# A BIBLIA



**SEPT**

A tradución da Biblia que presentamos foi feita partindo das linguas orixinais: hebreo, arameo e grego.

Coa aprobación da Conferencia Episcopal Española segundo certificación do Secretario Xeral da mesma do 10 de marzo de 1989.

1.ª edición, 25 xullo, 1989. *Premio Nacional de Tradución 1990*, outorgado polo Ministerio de Cultura.

2.ª edición, 25 decembro, 1992. Revisada por Xosé Fernández Lago.

3.ª edición, 30 novembro, 2001.

4.ª edición, 1 de novembro, 2021. Supervisada por Xosé Fernández Lago.

Edición:
SOCIEDADE DE ESTUDOS, PUBLICACIÓNS E TRABALLOS (SEPT)
Vázquez Varela, 54-3º. 36204 VIGO.
http://editorialsept.gal
correo-e: editorialsept@gmail.com

Distribución:
EDITORIAL GALAXIA, S.A.
pedidos@editorialgalaxia.gal

Maquetación:
PABLO GUTIÉRREZ
www.pablogutierrez.es

Impresión:
OBRADOIRO GRÁFICO, S. L.
Polígono Industrial do Rebullón, 52D. 36416 Puxeiros-Mos

© Dereitos reservados: SEPT.
I.S.B.N.: 978-84-7337-071-4
Dep. Legal: VG 591-2021

# A BIBLIA

Tradución ao galego das linguas orixinais



AS EDICIÓNS DO ADRO
SOCIEDADE DE ESTUDOS, PUBLICACIÓNS E TRABALLOS
**SEPT**

# NOTA DA EDITORIAL Á CUARTA EDICIÓN

Para a Editorial SEPT é unha gran satisfacción presentar esta cuarta edición da Biblia despois de pasado un tempo longo coa anterior esgotada. Eramos conscientes do baldeiro existente e da importancia de responder á necesidade das moitas peticións que recibiamos. Unha nova edición significaba abordar a tarefa de facer unha revisión lingüística dos textos para adaptalos á normativa actual do galego. Tivemos a sorte de reunir un equipo de filólogas e filólogos dispostos a facelo. Os seus nomes son os primeiros que figuran nos nosos agradecementos. Emilio González Avión, M.ª Carmen Rodríguez Lorenzo, Rosario Baleirón Sóñora, Ana Caíño Carballo, Lidia Campos Chan, Valentina Formoso Gosende, Chus Gómez Sanjurjo, Silvestre Gómez Xurxo, Xan Guillén Vázquez, María Xosé Quintáns Vigo, César Rodríguez García, Belén Rodríguez Suárez e Miguel Seoane García son as persoas que con rigor e entrega xenerosa integraron este equipo que fixo o seu traballo de maneira totalmente gratuíta.

Igualmente de eficaz e xeneroso foi o labor do biblista D. Xosé Fernández Lago, que coidou que a revisión lingüística non alterase o texto base. Graciñas tamén pola súa dedicación sen reservas.

Outro aspecto relevante era dispoñer do beneplácito dos bispos de Galicia, que solicitamos por medio do arcebispo de Santiago de Compostela, D. Xulián Barrio Barrio, quen tivo para nós unha excelente acollida, e que culminou nun comunicado no que se nos dá o seu visto e prace para acometer a edición que hoxe presentamos, salientando que a Biblia en galego de SEPT "significou unha aportación moi relevante no campo relixioso do cristianismo e da cultura universal". Sentímonos moi agradecidos de poder contar con este respaldo dos nosos bispos, que nos anima a seguir no noso labor de inculturación na Igrexa.

A saída á luz desta edición precisaba tamén dunha capacidade de financiamento que foi posible grazas á axuda recibida da Xunta de Galicia. D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística, foi quen, con especial sensibilidade, acolleu con entusiasmo o amparo que solicitamos. A el e á institución que representa facémoslles chegar o noso agradecemento.

A Biblia de SEPT, traducida ao galego das linguas orixinais –hebreo, arameo e grego– en todas as súas edicións, garda nesta, coma nas anteriores, fidelidade ao texto aprobado pola Conferencia Episcopal Española.

Vigo, outubro de 2021

Xosé Francisco Domínguez Martínez
*Presidente da Sociedade de Estudos Publicacións e Traballos (SEPT)*

# NOTA DA EDITORIAL Á TERCEIRA EDICIÓN

É sumamente grato dar noticia da aparición da terceira edición da Biblia traducida á lingua galega desde as linguas orixinais. Botando unha ollada cara atrás xorde o camiño percorrido desde o ano 1973 no que un grupo de laicos –signo dos tempos– integrantes da Sociedade de Estudos Publicacións e Traballos (SEPT) decide abordar esta singular publicación a pesar da súa complexidade e dificultades de todo tipo. Mais para aqueles laicos era preciso asumir a responsabilidade da publicación en galego dos textos sagrados, dando expresión á mensaxe cristiá na propia lingua, á que tamén había que prestixiar e defender, pois o seu valor e a súa vixencia é, ás veces, descoñecida e, outras veces, rexeitada, o que supón unha grave desconsideración coa virtude cristiá da dignidade da persoa e dun pobo. Ademais non se pode esquecer a importancia que esta publicación ten para a cultura de Galicia

SEPT espera, como xa ten manifestou nas anteriores edicións, que se chegue á plena normalización da liturxia na nosa lingua, onde se están dando, certamente, pasos importantes coa edición dos textos necesarios para súa realización, sendo preciso estimular os sacerdotes e os laicos ó cumprimento do promulgado no último Concilio Pastoral de Galicia e tamén de acordo ca constante doutrina pontificia que subliña a necesidade da encarnación do Evanxeo nas culturas autóctonas.

De novo, o agradecemento de SEPT a todos os que colaboraron nas edicións l.ª e 2.ª, sendo esta 3.ª igual á anterior, e que dedicaron xenerosamente tempo e esforzos para facer posible esta obra.

Temos que salientar a especial sensibilidade do Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne como Presidente da Xunta de Galicia e a cooperación da Consellería de Cultura Comunicación Social e Turismo, polo seu titular Excmo. Sr. D. Jesús Pérez Varela, para facer posible esta edición.

Vigo, novembro de 2001

Alfonso Zulueta de Haz
*Presidente da Sociedade de Estudos Publicacións* e *Traballos (SEPT)*

# NOTA PRÓLOGO Á TERCEIRA EDICIÓN

Xesús encarnouse nun lugar moi concreto, nun tempo tamén moi concreto, que S. Paulo chama "a plenitude dos Tempos" (cf Gal 4,4), e viviu condicionado pola problemática de Israel no século I da nosa era. Naqueles tempos falaban arameo, desde que o imperio babilónico impuxera a súa lingua. As conquistas de Alexandre o Magno foron levando ós pobos onde el dominaba a cultura grega, o que incluía a lingua; pero en Israel atopou co rexeitamento da poboación. E, no que atingue ós romanos, o latín tardaría moito en imporse. En Palestina, nos tempos de Xesús, mesmo se desde o ano 63 a. C. dominaban os romanos, non hai trazas de que se falara o latín. Na celebración sinagogal proclamábanse os textos litúrxicos en hebreo, pero de seguido facíase o Targum, que era unha traducción aramea. Mesmo se tiña despois o Midrax, que era un comentario, feito tamén en arameo. Xesús falaba o arameo galileo, pero en calquera caso, dun tipo de arameo a outro, non había unha distancia insalvable.

O Antigo Testamento escribiuse na súa meirande parte en hebreo. Pero o xudaísmo helenista, afincado en Alexandría (Exipto) e noutros lugares da Diáspora, admitiu a condición sagrada de certos libros, como os de Tobías ou Xudit, mesmo se estaban escritos en grego. Así, os católicos admitimos eses libros e tamén, por citar algún outro, os dos Macabeos, o da Sabedoría de Sírac (ou Eclesiástico) e o da Sabedoría, que non consideran sagrados os xudeus de Palestina. Vese que, para seren aceptados por estes, debían, en primeiro lugar, ser escritos en hebreo. Mesmo así, hai algo máis dun capítulo no libro de Esdras e outro no de Daniel que están en arameo. Desde o punto de vista lingüístico non se diferenciaban gran cousa, pero os xudeus non eran dados a admitir outras linguas nos libros da Biblia.

O problema máis grande de hoxe e de sempre é o da interpretación, que, para a xente que non entende a lingua orixinal, non se resolve se non media antes unha boa traducción. Feita esta, ademais de empregar outros métodos, históricos e sincrónicos, entre as "aproximacións ó texto da Biblia" que se teñen hoxe máis en conta, está a aproximación sociolóxica. Os datos sociolóxicos contribúen a facer comprender o funcionamento económico, cultural e relixioso do mundo bíblico. Tamén cómpre sinalar o achegamento antropolóxico-cultural, que se interesa por "outros aspectos que se reflicten na linguaxe, a arte, e maila relixión, pero tamén nos vestidos, os ornamentos, as festas, as danzas, os mitos, as lendas e todo o que concirne á etnografía"[1]. Moitos esexetas do Antigo Testamento buscan no xudaísmo medieval luz para comprender pasaxes escuras ou palabras raras ou únicas. Todos estes procedementos axudan a comprender o sentido dun escrito antigo, afastado da mentalidade actual. No tocante ó texto bíblico, debemos apoiarnos no sentido literal, un sentido que está "aberto a desenvolvementos ulteriores, que se producen gracias a 'relecturas' en novos contextos"[2]. Sobre o sentido literal constrúese o sentido espiritual, que fai que o propio Antigo Testamento amose un anticipo do que será o Novo. Ademais, cando se atopa nos textos un sentido máis fondo, hai que sacalo á luz, de xeito que se reciba toda a riqueza da revelación que Deus quere ofrecer ó home. Velaí por que a Biblia, que naceu na comunidade eclesial, atopa o seu medio de lectura máis indicado na propia Igrexa.

Se a versión Grega dos LXX naceu porque os xudeus de Alexandría do século II a. C. non eran moi doctos no Hebreo, tamén pode suceder que os galegos non poidan atinar co sentido profundo de todo o que está escrito na Biblia hebrea e grega. Cómpre traducir o que Deus foi revelando por medio de homes que falaban e escribían noutras linguas. Así, o galego que quere saber das cousas de Deus, poderá achegarse a este prodixio de cultura literaria e de ciencia divina, con familiaridade e agarimo. O Señor segue a falar hoxe, e quere facelo na lingua de cadaquén.

1. PONTIFICIA COMISIÓN BÍBLICA, La Interpretación de la Biblia en la Iglesia, Librería Editrice Vaticana, Cittá del Vaticano 1993, p. 54. "
2. PONTIFICIA COMISIÓN BÍBLICA, La Interpretación de la Biblia... , p. 74.

Desexo afervoadamente que esta terceira edición dos libros sagrados á nosa lingua, continúe sendo unha ocasión providencial para redescubrir a Palabra de Deus como unha realidade viva, dinámica, eficaz, capaz de alimenta-la fe, de inspira-la nosa vida e de xulgar a nosa actitude diante da historia e do momento no que nos toca vivir, pois a Sagrada Escritura é unha mensaxe dirixida a todo home, para que coñeza persoalmente a Deus, promova o encontro cordial con Cristo e viva para *El*. Neste sentido traio á memoria o encargo de san Paulo a Timoteo: "Ti mantente no que aprendiches e no que criches, e que non che esqueza quen cho aprendeu. Porque xa desde neno coñece-las letras santas, que son podentes para che facer sabe-lo camiño da salvación pola fe en Cristo Xesús. Toda a Escritura está inspirada por Deus e é útil para ensinar, para corrixir, para emendar, para educar na xustiza. Dese xeito, o home de Deus tórnase perfecto e competente para toda obra boa" (2 Tim 3, 14-17). A Palabra de Deus edifícanos na fe e fainos partícipes da herdanza reservada ós santificados (Cf Feit 20, 32).

Antes de rematar, quero deixar constancia do meu agradecemento a tódolos que interviñeron dalgún xeito na tradución, un "arte" que resulta sempre abondo difícil; á Editorial SEPT pola súa agarimosa dedicación; e á Xunta de Galicia, pola súa sensibilidade e pola colaboración económica.

Santiago de Compostela, na festa de Santo Andrés do ano 2001.

✠ Julián Barrio Barrio

*Arcebispo* de *Santiago* de *Compostela*

# NOTA DA EDITORIAL Á SEGUNDA EDICIÓN

Esgotada en pouco máis de tres meses a primeira edición desta Biblia –que obtivo o Premio Nacional de Traducción outorgado polo Ministerio de Cultura no ano 1990–, cumpría preparar unha segunda edición para a que fose revisado todo o texto, realizando as correccións tipográficas oportunas.

O éxito da primeira edición supón unha esperanza para o futuro relixioso e cultural do pobo galego e obríganos ós cristiáns a seguir traballando arreo e comprometidamente para unha máis fonda concienciación dos valores da Fe e de Galicia.

SEPT quere renova-lo seu agradecemento a tódolos que fixeron posible esta singular edición da Biblia en lingua galega, traducida desde as linguas orixinais, compartindo con eles o éxito da publicación.

SEPT ten que agradecer moi especialmente a Xosé Fernández Lago e a Andrés García Vilariño a revisión e preparación dos textos para esta segunda edición, que é posible gracias ó seu labor difícil e fatigoso, realizado con contrastada calidade científica e grande responsabilidade; agradecemento que temos que estender ás Monxas Bieitas do Mosteiro de San Paio de Santiago. Tamén a Xosé M.ª Pin Millares, Silvestre Gómez Xurxo, Benxamín de Jorge Gómez e Xosé Valtierra Branera, pola revisión lingüística para esta segunda edición. A revisores e colaboradores tamén o noso recoñecemento pola súa permanente xenerosidade.

SEPT, así mesmo, agradece á Xunta de Galicia, e singularmente ó seu Presidente Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne e ó Conselleiro da Presidencia Iltmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez o financiamento para esta edición.

# NOTA DA EDITORIAL Á PRIMEIRA EDICIÓN

A "SOCIEDADE DE ESTUDOS, PUBLICACIÓNS E TRABALLOS, S.A.", Editorial SEPT, nace no ano 1966 coa finalidade de incorporar ás actividades editoriais o espírito renovador da Igrexa, manifestado nidiamente no Concilio Vaticano II, e coa aspiración de ser canle fecunda ó servicio do renacemento relixioso e cultural de Galicia, partindo da nosa realidade específica e singular.

SEPT, integrada por laicos comprometidos co seu tempo, despois de facer análise das graves consecuencias que ten a inexistencia dos textos bíblicos en galego para a relixiosidade do noso pobo e tamén noutros campos culturais, acordou, na xuntanza do seu Consello de Administración de 23 de Novembro de 1973, face-la edición da Biblia traducida á lingua galega desde as linguas orixinais. Nunha primeira etapa abórdase a publicación do Novo Testamento que ve a luz no ano 1980, hoxe practicamente esgotado, o que permitiu obter unha importante experiencia cara á publicación da Biblia completa que agora presentamos. Cobizosa tarefa, polo delicado do texto, polas dificultades de atopar traductores con coñecementos axeitados e dominio das linguas bíblicas e do galego, e tamén pola necesidade de conseguir un financiamento suficiente para facer unha edición digna e a un prezo que permitise a maior difusión.

Mais as dificultades previstas fóronse resolvendo: conseguiuse artellar un equipo de persoas que pola súa formación, coñecementos bíblicos e das linguas precisas, ofrecían a garantía necesaria para confiar no bo resultado do seu traballo e que asumiron xenerosamente a responsabilidade da traducción; logrouse tamén, que outro grupo de persoas prodigase axudas e colaboracións, imprescindibles nunha empresa desta complexidade, desde as económicas ata as de revisión e corrección de textos e das probas do prelo, así como a de unificación do idioma; e, por último, a financiación acordada coa Xunta de Galicia vai permiti-la difusión desta edición a un prezo que doutro xeito non sería posible.

Importantes razóns xustifican e fan necesaria hoxe en día a publicación da Biblia en galego. É preciso cooperar co movemento de implantación da liturxia na nosa lingua que coa publicación do Misal e doutros textos tenta restablece-la normalidade lingüística na expresión litúrxica e devocional dos católicos galegos. É decisivo para a fondura e rixeza da fe dos crentes te-los libros da Revelación, da palabra de Deus, na lingua propia, o que permitirá afondar, a través da súa lectura cotiá na presencia salvadora de Deus, enfortecendo as crenzas para actuar no mundo en harmonía coa fe. E ademais, desde unha perspectiva estrictamente cultural, e polo tanto con decisivas repercusións no desenvolvemento e no enriquecemento da singularidade dun pobo, non se pode descoñecer que hai libros na Biblia que figuran entre os mellores e máis fermosos da literatura universal, formando parte do acervo cultural da humanidade; a madureza e fondura dunha lingua e o seu prestixio social –alicerces da súa estensión e permanencia no tempo–, acadarase, en boa parte, pola versión e difusión que na lingua propia se teña das máis importantes obras da literatura e do pensamento universais.

SEPT confía que esta traducción da Biblia sirva moi especialmente para a edición definitiva dos Leccionarios da Misa, no camiño de acada-la plena normalización da liturxia en galego, conclusión que xa aprobou o Concilio Pastoral de Galicia e que foi refrendada polos Bispos Galegos no comunicado de 24 de Agosto de 1976, no que sinalaron ademais como obxectivo prioritario "a confección dos materiais que se precisen para a introducción do galego na celebración litúrxica e devocional". Sen embargo e malia o tempo transcorrido, a liturxia na lingua galega non acadou a plenitude desexable e agardada. Os católicos –cadaquén desde o seu posto– temos que asumi-las correspondentes responsabilidades neste delicado, importante e decisivo tema para a fe dun pobo. Non esquezamos que "a evanxelización perde moito da súa forza e da súa eficacia se non se toma en consideración o pobo concreto ó que se dirixe, se non utiliza a súa lingua, os seus signos e símbolos..." (Paulo VI, Exhortación Apostólica "Evangelii Nuntiandi", n.º 63, de 8-XII-1975).

A lingua é expresión da personalidade colectiva e forza impulsora da nosa singular e orixinal cultura. Cómpre subliña-la importancia da relación e recíproco influxo entre fe e cultura –principio programático de SEPT– que aparece en múltiples documentos do Maxisterio Eclesiástico, principalmente desde o Concilio Vaticano II, incorporando en toda a súa fondura o concepto de "inculturación" que aplica universalmente, non só ós chamados países de misión, senón tamén ás Igrexas tradicionais. Xoán Paulo II insiste repetidamente nesta idea: "O termo aculturación ou inculturación pode ser moi ben un neoloxismo, pero expresa perfectamente un dos elementos da Encarnación" (Alocución á Comisión Bíblica, 26-IV-1979). "A síntese entre cultura e fe non é só unha esixencia da cultura, senón tamén da fe... Unha fe que non se fai cultura é unha fe non plenamente acollida, non totalmente pensada, non fielmente vivida" (Discurso ós representantes da Universidade, Reais Academias, investigadores e universitarios, na Universidade Complutense de Madrid, o 3-XI-1982, recollendo o xa dito ó Pontificio Consello para a Cultura o 16-1-1982); "... un modelo do que hoxe leva o nome de inculturación: encarnación do Evanxeo nas culturas autóctonas, e, ó mesmo tempo, a introducción destas na vida da Igrexa" (Carta Encíclica "Slavorum Apostolorum", n.º 21, de 2-VI-1985).

SEPT quere expresa-lo seu sincero agradecemento a tódolos que fixeron posible esta edición que marca un fito importante na historia da relixiosidade e cultura galegas. Ó que foi Arcebispo de Santiago, hoxe Cardeal Arcebispo de Madrid, Emmo. D. Anxo Suquía, e ó seu sucesor na arquidiócese de Santiago, Excmo. Sr. D. Antonio María Rouco, polos importantes apoios e colaboracións prestados, e ós demais bispos de Galicia pola súa acollida.

Á Xunta de Galicia, especialmente ó Presidente Excmo. Sr. Don Fernando González Laxe e ós Vicepresidentes Iltmos. Sres. Don Xosé Lois Barreiro Rivas e Don Xabier Suárez Vence, pola axuda no financiamento que permite un prezo de venda que vai supoñer unha maior difusión.

Ós traductores, coordenadores e revisores de probas, polo seu traballo, xenerosidade e azos exemplares.

Ó Padre Seixas, por ser vello impulsor da idea, a Andrés e Carmen Carril Pardo pola súa hospitalidade, a Xermán Alonso Fernández polas súas xestións e a Silvestre Gómez Xurxo pola súa colaboración nas correccións.

Ós que co seu apoio económico permitiron soste-los gastos no longo período da preparación da edición: Compañía de María, Ernesto Baltar Feijóo, Xosé Francisco Domínguez Martínez, Eugenio Fadrique del Río, Xosé Luis Fontenla Méndez, Xaime Isla Couto, Luis Meijide González, Manuel Meijide González, Pedro Merino Gómez, Dositeo Otero Saco, Gonzalo Rey Lama, Demetrio Sáez de Viteri, Agustín Sixto Seco e Alfonso Zulueta de Haz.

Tódolos que traballaron nesta edición fixérono guiados por unha esperanza que foi o pulo necesario para resolve-los abondosos problemas que xurdiron no camiño percorrido: ofrecer a Galicia, por primeira vez, a totalidade da Biblia na lingua galega traducida das linguas orixinais.

SEPT

# CARTA DO ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Benqueridos irmáns:

Éncheme de ledicia poder presentar a tódolos católicos de fala galega, dentro e fóra de Galicia, e a toda a opinión pública da nosa terra a primeira versión completa da Biblia en galego, feita dende os textos orixinais.

A Biblia, o libro máis vendido e máis traducido en toda a historia cultural da humanidade, sae na nosa lingua nuns momentos de especial sensibilidade respecto do tema galego, uns tempos nos que se tenta busca-las raíces do noso sentir, do noso vivir e do noso crer.

Esa lingua tan agarimosa que é a nosa lingua galega, faise así instrumento axeitado para transmitirlle á nosa xente a Palabra de Deus, a que revela ó home os designios salvadores de Deus para con el, que culminaron no Nacemento, Morte e Resurrección do Noso Señor Xesucristo, e que lle ensinan o que precisa o ser humano para acada-la grandeza que Deus lle ofrece: ser partícipe da súa gloria.

Os Bispos das dióceses de Galicia contamos con que a Biblia que agora se publica non só sirva para enriquece-la literatura galega –o que sen dúbida conquerirá– senón especialmente para o uso litúrxico e tamén para a formación cristiá e a oración persoal. A presente edición da Biblia posibilitará a pronta preparación dos leccionarios litúrxicos, complemento necesario do Misal Galego publicado hai pouco e condición indispensable para unhas dignas e fructuosas celebracións eucarísticas. Pero, ademais, debe servir tamén, como instrumento inspirado da Palabra de Deus que é, para que moitos poidan afondar na súa Fe cristiá, para busca-lo camiño que leva ó Señor, e, dese xeito, chegar ata El.

A devandita publicación da Biblia en lingua galega é o resultado do traballo dun equipo de estudiosos galegos, coordenados por Profesores do Instituto Teolóxico Compostelán, o noso Centro Superior de Estudios Teolóxicas, que actualiza así as mellores páxinas da súa brillante historia científica e eclesial.

Gracias ó seu traballo extraordinariamente xeneroso, calado, paciente e, por suposto, fondamente científico, fixose posible a presente traducción, que partindo dos textos orixinais, nos ofrece o seu equivalente na lingua galega.

Non podemos esquecer tampouco a excelente disposición e mailos desvelos, verdadeiramente exemplares, da Editorial SEPT e dos seus colaboradores na elaboración técnica da edición, despois de que a súa fina sensibilidade, cultural e relixiosa, movera ós seus responsables a prepara-la publicación dunha obra tan delicada e complexa.

Quixera, finalmente, agradecer dende estas liñas á Xunta de Galicia a súa colaboración tan importante para que este libro vexa a luz.

Os actuais Bispos das Dióceses da Provincia Eclesiástica Compostelá non queremos tampouco esquece-lo pulo que lle deron á publicación da Biblia en galego os nosos antecesores, dende fai quince anos ata agora, a quen se lles debe por iso tamén gratitude e recoñecemento.

O Concilio Vaticano II ensinou na Constitución "Dei Verbum" o íntimo nexo existente entre a Sagrada Escritura e a Igrexa. Á Igrexa foille confiado polo Señor o depósito sagrado da Palabra de Deus, que constitúen a Tradición e a Sagrada Escritura; ó seu Maxisterio compételle a interpretación auténtica da Palabra de Deus oral ou escrita (V. II, DV. 10). Só *"in* Ecclesia" é fructuosa a lectura da Sagrada Escritura. Por iso os autores e editores da presente edición galega da Biblia buscaron e obtiveron a preceptiva aprobación canónica, da traducción e das notas aclaratorias que a acompañan.

Para tódolos homes que queiran atopa-lo verdadeiro senso da súa existencia, e para os que desexen volver unha e outra vez ás fontes máis limpas da súa fe cristiá, velaí unha edición dos Libros Sagrados, que, por responder ós orixinais e por ser aprobada pola Igrexa, se presenta como instrumento axeitado para un encontro auténtico coa Palabra de Deus.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 1989

Antonio M.ª Rouco Varela
Arcebispo de Santiago

# TRADUTORES DOS TEXTOS BÍBLICOS

COORDINACIÓN: Xosé Fernández Lago e Andrés Torres Queiruga

## ANTIGO TESTAMENTO

PENTATEUCO

Xénese, Éxodo ..... ..... *Anxo González Núñez*
Levítico, Números ..... *Emilio Losada Castiñeiras*
Deuteronomio ..... *Francisco Pérez Santalices*

LIBROS HISTÓRICOS

Xosué, Xuíces, Rut ..... *Xosé Fernández Lago*
1.º e 2.º Samuel, 1.º e 2.º Reis ..... *Anxo González Núñez*
1.º e 2.º Crónicas ..... *Xosé Rodríguez Carballo*
Esdras, Nehemías, Tobías, Xudit ..... *P. Martín María Díaz*
Ester ..... *Emilio Losada Castiñeiras*
1.º e 2.º Macabeos ..... *Manuel Regal Ledo*

LIBROS POÉTICOS E SAPIENCIAIS

Xob ..... *Xoán C. Rodríguez Herranz*
Salmos ..... *Anxo González Núñez*
Proverbios, Eclesiastés, Cántico dos
Cánticos, Sabedoría, Eclesiástico ..... *Xoán C. Rodríguez Herranz*

LIBROS PROFÉTICOS

Isaías, Xeremías, Lamentacións, Baruc,
Carta de Xeremías, Ezequiel..... *Francisco Pérez Santalices*
Daniel ..... *Xosé A. Salgado Agromartín*
Oseas, Xoel ..... *Francisco Pérez Santalices*
Amós ..... *Xoán C. Rodríguez Herranz*
Abdías, Xonás, Miqueas, Nahum, Habacuc,
Sofonías, Axeo, Zacarías, Malaquías ..... *Francisco Pérez Santalices*

## NOVO TESTAMENTO

EVANXEOS

Mateo, Marcos, Lucas ..... *Xosé M. Rodríguez Pampín* e *Andrés Torres Queiruga*
Xoán ..... *Xosé Fernández Lago*

OS FEITOS DOS APÓSTOLOS ..... *Xosé Antón Miguélez Díaz*

CARTAS DE SAN PAULO

Romanos ..... *Emilio Losada Castiñeiras* e *Andrés Torres Queiruga*
1.ª Corintios ..... *Andrés Torres Queiruga*
2.ª Corintios ..... *Xosé Fernández Lago*

Gálatas ..... *Xesús Ferro Ruibal*
Efesios ..... *Xosé Fernández Lago*
Filipenses ..... *Xesús Ferro Ruibal*
Colosenses ..... ..... *Manuel Regal Ledo*
1.ª e 2.ª Tesalonicenses ..... *Xosé Fernández Lago*
1.ª e 2.ª Timoteo, Tito ..... *Emilio Losada Castiñeiras*
Filemón ..... *Xesús Ferro Ruibal*
Hebreos ..... *Francisco Pérez Santalices*

CARTAS CATÓLICAS
Santiago ..... *Manuel Regal Ledo*
1.ª e 2.ª Pedro; 1.ª, 2.ª e 3.ª Xoán ..... *Francisco Pérez Santalices*
Xudas ..... *Manuel Regal Ledo*

A APOCALIPSE ..... *Francisco Pérez Santalices*

## REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Emilio González Avión, M.ª Carmen Rodríguez Lorenzo, Rosario Baleirón Sóñora, Ana Caíño Carballo, Lidia Campos Chan, Valentina Formoso Gosende, Chus Gómez Sanjurjo, Silvestre Gómez Xurxo, Xan Guillén Vázquez, María Xosé Quintáns Vigo, César Rodríguez García, Belén Rodríguez Suárez e Miguel Seoane García

## XESTIÓN E SECRETARÍA DA EDICIÓN

Xosé Francisco Domínguez Martínez,
Silvestre Gómez Xurxo e Nuria M.ª Núñez Elissetche

---

Nas 1.ª, 2.ª e 3.ª edicións:

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Andrés García Vilariño e Xosé Chao Rego, Xesús Ferro Ruibal, Alfonso García Sanmartín, Rosa García Vilariño, Eduardo González Montes, Andrés Torres Queiruga

COORDINACIÓN

Xosé Fernández Lago e Andrés Torres Queiruga

XESTIÓN E SECRETARÍA DA EDICIÓN

Alfonso Zulueta de Haz e Xosé Francisco Domínguez Martínez

# INTRODUCIÓN Á BIBLIA

**1. O ser humano máis aló de si mesmo**

*O ser humano ve decote que chega só a unha parte da realidade e, ademais, considera inaccesibles outros eidos moi importantes para a súa vida. Nesa situación, intenta chegar a onde el non pode, con apoios externos á súa persoa. Algunhas axudas atópaas noutra xente, que é compañeira de camiño; pero mesmo así, non lle é doado chegar a todo o que hai ou ha vir. Por outra banda, ao contemplar un feito tan universal como a morte, non lle é posible atopar o remedio se non conta cun ser máis poderoso ca el, que non só teña vida, senón que sexa capaz de concedela. O tal ser, considerado por moitos creador do que existe, tórnase dese xeito salvador da humanidade, pois pode e quere darlle a vida que o ser humano non pode acadar pola súa conta. A ese ser dámoslle o nome xenérico de Deus, concretándoo tamén noutros nomes equivalentes, como Rah, Amón, Él, Alá e moitos máis.*

*Ao longo do tempo, ese deus creador foise manifestando pola natureza, polos acontecementos da historia e polos escritos que algúns homes de ben ofreceron ao escoitar a chamada dese deus para que o fixeran así. Os cristiáns recoñecemos como obra de Deus os escritos recollidos na Biblia, mesmo se consideramos que o Señor pode utilizar outros camiños para comunicarnos máis sobre o que Él é e sobre como debe ser o ser humano.*

**2. A salvación na historia**

*Un home chamado Abram (que despois se chamará Abraham), sentiu que un deus especial lle falaba, animándoo a saír de onde vivía, para dirixirse a outra terra que el lle ía mostrar. Aquel home déixase conducir por ese deus e fanse amigos. Deus bendí a aquel home e a súa descendencia, e o home xura ser leal a aquel deus. Algúns séculos máis adiante, uns descendentes do devandito patriarca pola rama de Xacob (coñecido tamén por Israel) sufrían lonxe da súa terra, escravizados por unha xente que adoraba a outros deuses. Os descendentes de Abraham clamaron polo seu deus, quen fixo xurdir de entre eles un liberador –Moisés–, que os sacou de alí a forza de prodixios. Vendo a man de Deus neses feitos, aquela xente considera a Deus o seu salvador; e, en chegando a un monte alto, no deserto do Sinaí, fai unha Alianza co seu Señor. Este convértese no deus daquel pobo e o pobo comprométese a serlle fiel, cumprindo os acordos da Alianza. Daquela, o deus dálle azos ao seu pobo, guíao polo deserto, e condúceo cara a unha terra abondosa, na que xa estivera o seu devanceiro Abraham; aquel deus, xa lle prometera regalarlle o país para os seus descendentes.*

*Nesa terra prometida, o pobo, ás veces, é fiel e, ás veces, infiel, segundo os diversos momentos da historia. Despois de Xosué, o xefe que introduciu ao pobo na terra de Canaán, suscitou Deus xuíces, reis, profetas e sabios, que encamiñaran o pobo querido por bos vieiros; pero a xente era infiel a unha Alianza que marcaba a obriga, pero que non outorgaba a forza necesaria para a cumprir. O pobo de Deus, dividido en dous desde a morte de Salomón, cae vítima da arremetida dos asirios (fin do Reino do Norte, no ano 722) e da invasión babilónica (caída do Reino do Sur, no ano 587). O profeta Xeremías, que tan a miúdo ameazara ao pobo co desterro por mor da súa infidelidade, anuncia unha Nova Alianza, moito máis fonda, gravada nos propios corazóns, de xeito que a persoa crente acolla os mandamentos de Deus como cousa súa (Xer **31**, 31-34), unha Alianza que había de abranguer a todos os pobos da terra.*

*Séculos máis tarde, nace un neno ao que lle poñen de nome Xesús, "Salvador", porque viña salvar a humanidade. Ao longo da súa vida, ademais de anunciar á xente a chegada do Reino de Deus, xuntou a carón del un grupo de discípulos; e, nunha cea que tivo con eles pouco antes de morrer, fixo de mediador desa Nova Alianza con Deus que anunciara Xeremías. El mesmo era o Fillo de Deus e viñéralle ofrecer ao Pai o seu corazón de persoa entregada a Deus (cf Heb **10**, 7). Sendo xusto, cargou cos pecados da humanidade, para que os humanos, cheos de maldade, acadásemos por el o perdón e mais a paz (cf Is **53**, 5-6. 11-12).*

*A partir de Xesús, non se entra na descendencia de Abraham por razón do nacemento nin por outro xeito de condición humana. Os que teñen fe en Xesús, o Fillo de Deus, eses son a verdadeira descendencia de Abraham (Gál **3**, 26-29) e os herdeiros da promesa.*

*Aos membros do pobo crente, pídeselles fidelidade á Alianza feita por Xesús e prométeselles unha terra moito máis frutífera e duradeira: a Nova Xerusalén, onde todo será ledicia e conforto (cf Ap **21**, 1-4).*

*Ese Xesús, confianza dos humanos que cremos nel, virá ao remate dos tempos, cheo de gloria, para recoller aos que agardan a súa volta con esperanza e entregarlle así todo a seu Pai, o Deus de Abraham. Deste xeito, o Señor da creación será loado por todas as criaturas (cf 1 Cor **15**, 22-28).*

### 3. A revelación, na historia

*A persoa relixiosa procura coñecer a vontade de Deus e por iso interpreta os feitos que acontecen para albiscar o que Deus lle quere dicir.*

*O pobo que xurdiu do patriarca Xacob, aínda que a miúdo era infiel, era, ao mesmo tempo, "temeroso de Deus": antes de tomar decisións, tiña en conta o parecer do Señor. O pobo pretendía agradar a Deus, e Deus agarimaba o seu pobo mandándolle profetas. Estes falaban no nome de Deus: interpretaban os feitos que acontecían e manifestaban o seu significado á xente, tal como Deus llelo comunicaba, por medio do seu espírito.*

*Para os pouco crentes, a revelación de Deus é unha carga, pois pídelle á persoa unha decisión en favor de Deus, que leva consigo a renuncia a un xeito de vida "mundano". Mais para os crentes de verdade, a revelación divina ten máis ben o sentido dunha comunicación amigable que Deus fai (cf Xn **15**,15).*

*As marabillas que Deus fixo ao longo da historia, os comportamentos do pobo escolleito, as chamadas de atención de Deus, e a Alianza entre Deus e o pobo de Israel, non podían ficar no esquecemento, ignoradas polas xeracións que estaban por chegar. O mesmo Deus fai que certos homes se poñan a escribir algunhas tradicións do pobo. Deste xeito, ofreceranlles aos máis uns exemplos que imitar ou que rexeitar, de modo que sintonicen mellor co Deus no que cren.*

*Ao comezo, serán pequenos ditos, referidos á liberación do asoballamento de Exipto, ou á afirmación de que o Señor é o Deus no que eles cren. Despois, será unha cántiga de vitoria ou outras pezas literarias que recordan o agradecemento pola axuda de Deus. Van xurdindo, pouco a pouco, a partir do ano mil antes de Cristo, uns libros que se teñen por sagrados, xa que recollen a revelación divina. Son obra, as máis das veces, de autores descoñecidos. Entre estes cómpre destacar o chamado "Cronista", os sabios e os apocalípticos. Os libros anteriores a Xesús forman un bloque que se deu en chamar Antigo Testamento, ou mellor, Antiga Alianza.*

*Con Xesús chega ao seu cume a historia humana. Por medio del fala o Pai (Heb **1**, 1-2): e quen o ve a el, ve ao Pai (Xn **14**, 9). El é a luz que aluma para toda persoa que vén a este mundo (Xn **1**, 9). Descóbrenos todo o que viu e oíu onda o Pai (Xn **15**, 15). O que estaba anunciado na Lei, nos Profetas e nos outros Escritos, cúmprese agora e atopa en Xesús a súa plenitude.*

*Xesús funda unha comunidade de discípulos, e ensínalles moitas cousas sobre o Reino de Deus que veu establecer. El dá todo o que ten: a súa doutrina, os seus signos, e a súa mesma vida, para que as persoas cheguemos a acadar unha vida que non remate endexamais.*

*Os discípulos de Xesús van ensinando a outros admiradores os ditos e feitos do mestre, e vai callando a tradición acerca de Xesús. Máis adiante, o mesmo Deus moverá a algúns homes para que se poñan a escribir parte do acontecido, de xeito que, ao longo dos séculos, sexa posible coñecer a Xesús e mais a súa doutrina. Daquela, vaise formando, pouco a pouco, o Novo Testamento ou Nova Alianza.*

### 4. A Biblia

*A palabra grega "biblia" significa "libros". Contén os escritos que son sagrados por ofreceren a revelación divina.*

*Aínda que Deus moveu aos autores para que escribisen o que El fora revelando, e esta revelación chegou a formar libros, non todas as comunidades consideraron sagrados os mesmos libros. Aínda hoxe hai desacordo entre xudeus, católicos (e ortodoxos) e protestantes, na designación dos libros que se teñen por Escrituras Sagradas.*

*Os xudeus consideraron sagrados, no canon que estableceron ao remate do século I d. C., vinte e dous libros, que equivalen –por estaren algúns unidos entre si– aos trinta e nove que teñen por canónicos os protestantes. Veñen sendo os corenta e seis do canon católico do Antigo Testamento, fóra dos libros de Tobías, Xudit, I e II dos Macabeos, Baruc, Sabedoría e Eclesiástico. Por outra banda, xudeus e protestantes non admiten como canónicas algunhas partes dos libros*

*de Ester e de Daniel, escritas en grego. Os sete libros mencionados desígnanse "deuterocanónicos", pois foron acollidos no canon nun "segundo" momento. Outro tanto podemos dicir das pasaxes gregas de Ester e de Daniel. En troques, aos outros libros do A. T. chámanselles "protocanónicos", por seren aceptados como agrados desde os albores da cristiandade.*

*No tocante ao Novo Testamento (rexeitado, loxicamente, polos xudeus), acéptase comunmente hoxe como formado por vinte e sete libros. Algunhas confesións protestantes borraron hai tempo das súas listas as cartas de Santiago e Xudas, a Epístola aos Hebreos e mais o libro da Apocalipse; mais desde o século XVII volveron ás listas tradicionais. Dos vinte e sete libros do N. T., sete foron acollidos no canon nun segundo momento, polo que se chaman deuterocanónicos. Son: a Epístola aos Hebreos, a Carta de Santiago, a II de Pedro, a II e a III de Xoán, a de Xudas e o libro da Apocalipse.*

*Aos libros do A. T. que a Igrexa Católica chama deuterocanónicos, os protestantes chámanlles apócrifos (=encubertos, secretos). E, como a Igrexa Católica nomea "Apócrifos" aos que non son libros sagrados, os protestantes danlles o nome de "Pseudoepigráficos", pois non foron escritos polos personaxes que lles dan o título (exemplos: I Henoc; IV Esdras...).*

*O canon católico estableceuse por primeira vez no Sínodo Romano do ano 382, e confirmouse definitivamente no século XVI, no Concilio Tridentino. Este Concilio, deixándose conducir pola tradición cristiá máis firme, declara sagrados os setenta e tres libros que admitía como tales o Concilio de Florencia, no século XV.*

*Os escritores eclesiásticos dos primeiros séculos, nos que se fixa o Concilio Tridentino, tiñan certa familiaridade cos libros deuterocanónicos (incluídos na versión dos LXX), especialmente os Padres Apostólicos, que citan a Biblia pola devandita versión. Imitan así aos escritores do N. T., que, das trescentas cincuenta veces que aluden á Escritura do A. T., trescentas fano empregando a versión dos LXX.*

*No tocante aos libros do N. T., a Igrexa considerou sagrados aqueles nos que vía a expresión da súa fe, fixándose ademais na súa orixe apostólica e na acollida que tiveron nas diversas comunidades cristiás, así como no feito de serviren para a edificación do pobo de Deus.*

**5. Distribución dos libros da Biblia**

5.1. *Os xudeus fan unha clasificación tripartita: Lei ("Torah"), Profetas ("Nebiim") e Escritos ("Ketubim").*

*A Lei comprende os cinco libros atribuídos a Moisés, que forman o Pentateuco.*

*Aos Profetas divídenos en "Anteriores" (Xosué, Xuíces, I e II Samuel, e I e II Reis) e "Posteriores" (Isaías, Xeremías, Ezequiel, e mais os doce profetas menores da Biblia cristiá).*

*Finalmente, no apartado Escritos inclúen o resto.*

*O criterio seguido polos xudeus na distribución dos libros sagrados foi de tipo histórico: segundo os consideraban sagrados, ían formando un conxunto.*

5.2. *Os protestantes seguen a distribución xudía, pero engaden ao remate, como apéndice, os libros que os católicos chamamos deuterocanónicos, facendo constar que foron excluídos do canon hebreo.*

5.3. *Os católicos e mais os ortodoxos clasificamos os libros do A. T., seguindo a versión dos LXX, en:*

*Pentateuco;*
*Libros históricos;*
*Libros sapienciais;*
*Libros proféticos.*

*En vez de seguir o criterio histórico, como fixeron os xudeus, tense en conta o xénero literario do libro en cuestión.*

*Coma no A. T., tamén no N. T. facemos católicos e ortodoxos unha cuádrupla distribución:*

*Evanxeos*
*Feitos dos Apóstolos*
*Cartas*
*Apocalipse*

*O criterio é o mesmo que se empregou para o A. T. No tocante ao N. T., os protestantes fan a mesma distribución ca os católicos e os ortodoxos.*

*No século XIII, Estevo Langton, Arcebispo de Canterbury, divide a Biblia en capítulos; e tres séculos máis tarde (século XVI), o dominico Santes Paganini divide en versículos o A. T., facendo o propio co N. T. o tipógrafo parisiense Roberto Estéfano.*

**6. As linguas da Biblia**

6.1. *Case todos os libros do Antigo Testamento foron escritos en lingua hebrea. Redactáronse en arameo algúns capítulos do libro de Esdras e mais do de Daniel e un*

*versículo do libro de Xeremías. Outros dous libros, o II dos Macabeos e o da Sabedoría, foron escritos orixinariamente en grego.*

*A pesar de ser unha tradución, cómpre amentar, pola súa relevancia, a versión grega dos LXX, feita en Exipto entre os séculos III e II a. C., que inclúe todos os libros do canon católico e algúns máis. O mesmo cómpre facer coa Vulgata latina, traducida por san Xerome e considerada polos Concilios Tridentino e Vaticano I como normativa para a Igrexa Católica.*

6.2. *O Novo Testamento foi escrito en grego. Pola tradición cristiá temos noticia de que Mateo escribiu na lingua dos hebreos (o arameo), dato que atopa confirmación no estudo interno do texto. Infortunadamente, non temos na actualidade ningún manuscrito do devandito evanxeo arameo de Mateo.*

## 7. O texto da Biblia

*Os manuscritos autógrafos da Biblia perdéronse todos, cousa moi normal se temos en conta a fraxilidade dos papiros. De todos xeitos, ao contrario do que acontece cos escritos profanos de entón, hai milleiros de manuscritos da Biblia. Certo tamén que, ao facerse tantas copias, inzan os erros, ainda que a crítica textual de hoxe, con métodos científicos depurados, está en condicións de reconstruír o texto na súa forma máis primitiva. No século XIX aparecen as grandes edicións críticas, que ofrecen ao lector as variantes textuais, ademais do texto considerado como orixinal.*

7.1. *Polo que respecta ao Antigo Testamento, coñécense desde hai tempo testemuños do texto hebreo e arameo pertencentes aos séculos IX e X d. C. Destacan entre eles o Manuscrito do Cairo, o Manuscrito de Leningrado e mais o Códice de Alepo. Os dous últimos, utilizáronse como base das edicións críticas; e o primeiro foi, ao longo de moitos anos, o códice máis antigo da Biblia hebrea.*

*O descubrimento de manuscritos na Guenizah –especie de depósito dos libros sagrados xa gastados– dunha sinagoga do Cairo, ao remate do século XIX, proporcionaba entón uns testemuños que atinxían o século VI d. C. Finalmente, os descubrimentos de Qumrân, no ano 1947, achegan copias da Biblia hebrea, feitas entre os séculos III a. C. e o I d. C.*

*Ademais dos manuscritos hebreos da Biblia, hai que mencionar os "targums", versións arameas, a miúdo parafraseadas, empregadas nas sinagogas para facer accesible o texto bíblico a quen non coñecía o hebreo. Algúns deles son anteriores á era cristiá, pois o arameo comeza a impoñerse entre os séculos VI e V a. C., e dese xeito vaise perdendo o hebreo. En Qumrân apareceron fragmentos de targums.*

*No tocante ao A. T. en grego, coñécense desde hai tempo papiros anteriores á era cristiá. O máis antigo é o "John Rylands 458". Por outra banda, os descubrimentos de Qumrân enriqueceron, con manuscritos da Biblia grega, os descubrimentos anteriores. Existen ademais moitos pergamiños, entre os que destacan o Vaticano, o Sinaítico e mais o Alexandrino (cf máis adiante, 6.2.).*

*Entre as versións, merecen destacarse as de Aquila, Símmaco e Teodoción (século II a. C.), que, xunto co texto hebreo, o texto hebreo con caracteres gregos e mais a versión dos LXX, formarán a Biblia en seis columnas ("Héxapla") de Orixenes (nos anos 230 a 240 d. C.).*

7.2. *Do Novo Testamento téñense unha morea de manuscritos, algúns deles enteiros e outros en anacos. O máis antigo é o "Papiro Rylands (p52) que data de arredor do ano 120. Hai outros papiros do mesmo século e outros do século III. Existen ademais moitos códices, sendo os máis ricos o Vaticano, o Sinaítico e o Alexandrino. Os dous primeiros, do século IV, teñen practicamente enteiros o A. T. e mais o N. T.; e o terceiro, do século V, contén a maior parte do N. T. Están escritos en letras maiúsculas. Hai tamén códices de letra minúscula, escritura que comeza a impoñerse a partir do século IX. Finalmente, existen leccionarios, que recollen as lecturas litúrxicas, e que conteñen practicamente todo o N. T. Os máis antigos son uns fragmentos do século V.*

*Ademais das copias gregas en papiros e pergamiños, existen versións a outras linguas, que chegan ao século III; e testemuños de escritores cristiáns do século II en diante. Entre as versións sobresaen a "Vetus Latina", a "Vulgata", a "Siríaca Antiga" e mais a "Peschitta".*

*A tradición textual do N. T., en especial a dos Evanxeos, ten bastantes puntos de apoio e de moito valor (cf Introdución ao Novo Testamento, 5).*

## 8. A Biblia é palabra de Deus

*Considerábase así o A. T. no pobo de Israel e dese xeito pensaban Moisés, Xesús, os Doce, san Paulo e mais Timoteo.*

*Ademais dos datos que coñecemos por outras fontes, sabemos pola mesma Biblia o que segue:*

*Moisés anunciáballe ao pobo, e despois escribíaas, todas as palabras que Deus lle ía comunicando (cf Ex **24**, 3-4). Séculos máis tarde, os profetas reciben a palabra do Señor (cf Xer **1**, 1-2), que proclaman, e, ás veces, escriben (cf Xer **36**, 6-8.11). Xesús aproveita a autoridade da Escritura. Coa expresión "está escrito" resolve calquera dificultade (cf Mt **4**, 4-10), pois a Escritura non pode luírse (Xn **10**, 35), non ficará sen cumprir nada do escrito (Mt **5**, 18). Os apóstolos interpretan os feitos da vida de Xesús como acontecidos para que se cumpra a Escritura (Xn **19**, 28; Feit **17**, 2ss). As Cartas de Paulo veñen colocadas a carón dos libros do A. T., e apreciadas tamén elas como Escrituras (cf 2 Pe **3**, 14-16), pasando así a formar parte daqueles Escritos sagrados que o Apóstolo e mais Timoteo recoñecen desde nenos como recibidos de Deus (cf 2 Tim **3**, 14-17). O autor do libro da Apocalipse, dálle ao seu escrito a mesma autoridade que ten o Deuteronomio (recoñecido por todos como Escritura), pois afirma o mesmo que o autor do Deuteronomio: non se lle pode aumentar nin quitar nada (Ap **22**, 18-19; cf Dt **4**, 2; **13**,1).*

*Non é que a palabra de Deus viñese directamente do ceo para "ditar" uns libros, senón que algúns membros do pobo de Deus, conducidos polo Espírito, despois de interpretar os feitos que acontecían, puxéronse a escribilos, de xeito que as persoas de todos os tempos poidan tamén percibir na súa historia, á luz desa palabra, o que Deus lles quere dicir mediante os feitos que acontecen.*

## 9. A Biblia foi inspirada por Deus

9.1. Espírito de Deus e revelación Bíblica

*É doado decatarse da relación tan estreita que se dá na Biblia entre o Espírito de Deus e a revelación divina. No Antigo Testamento a actividade profética é froito do Espírito (cf Zac **7**, 12), pois é El quen baixa sobre os profetas para que pregoen a palabra de Deus (cf Is **59**, 21; Ez **11**, 5).*

*O Espírito move tamén aos "homes de Deus" do Novo Testamento (Feit **8**, 29-39; **10**, 19), ensina o que hai que dicir para defenderse diante dos tribunais (Lc **12**, 11-12), e forma a comunidade cristiá cos carismas que reparte (1 Cor **12**, 4-11).*

9.2. Palabra de Deus e libro sagrado

*No Antigo Testamento albíscase xa unha relación íntima entre o Espírito do Señor e a palabra de Deus escrita. O profeta Isaías, falando dos escritos que conteñen os anuncios proféticos, di que proveñen da boca e mais do espírito de Iavé (Is **34**, 16); e Nehemías di que os escritos sagrados son ensinanzas que Deus fai ao pobo por medio do seu Espírito (Neh **9**, 20.30).*

*No Novo Testamento afírmase que o anunciado no libro dos Salmos (libro atribuído naquel tempo ao rei David) o dixera o Espírito Santo por boca de David (Mc **12**, 36; Feit **1**, 16). Na II Carta de Pedro fálase da chegada gloriosa do Mesías como de algo que ten que acontecer, pois a anunciaron os profetas, movidos polo E. S. (2 Pe **1**, 16-21). Na II Carta a Timoteo aludindo a todas as Escrituras, que Timoteo coñece ben desde neno, dise abertamente que foron inspiradas por Deus (2 Tim **3**, 14-17).*

9.3. Que é a inspiración bíblica?

*É moito máis ca un rogo de Deus a un home para que este escriba; é máis ca unha axuda do E. S. ao escritor para que non erre; tampouco non é unha acción tan forte do E. S. que chegue a anular a personalidade do autor humano; nin consiste a inspiración en que a Igrexa considere sagrado un libro concreto.*

*A inspiración bíblica vén sendo un influxo tal do E. S. nas facultades dalgúns homes, que permite afirmar que Deus sexa "autor" dun libro humano e que o home sexa "autor" dun libro divino. Así fala Deus cos homes, na linguaxe deles.*

## 10. A verdade da Biblia

10.1 *A Biblia ofrécenos unha ensinanza de cara á salvación: unha ensinanza que chega ata nós con palabras humanas, con xeitos de expresión propios dos tempos en que se compuxeron os libros, facendo uso da súa mesma cultura e linguaxe, e empregando uns xéneros literarios a miúdo distintos dos de hoxe.*

10.2. *A mensaxe da Biblia ten garantía de verdade, por gozar da inspiración divina. Certo que o que Deus quere ofrecernos non é unha información científica, senón unha mensaxe encamiñada á salvación. Como dixo hai tempo santo Agostiño de Hipona, Deus non quere dicirnos como é o ceo, senón como chegar a el: non intentou ensinarnos cosmoloxía nin ciencias naturais, senón o camiño da salvación.*

10.3. *O obxecto de ensinanza da Biblia é todo o que os autores sagrados querían dicir e que Deus quería comunicarnos polas palabras deles. O demais será revestimento*

*literario ou outras axudas das que se vale o autor sagrado nun momento concreto da historia para se facer comprender; desde o punto de vista relixioso estas cousas nin son nin deixan de ser verdade, pois non as ensina a Biblia, senón que a Biblia usa delas para mostrar o único que ela quere ensinar: as verdades que interesan ao ser humano para acadar a vida eterna.*

**11. Interpretación da Biblia**

*Para que as persoas nos entendamos, temos que interpretar o que nos din. Certo que cando quen fala ou escribe conta cousas da vida diaria e na lingua que decote falamos, a probabilidade de comprensión é moito maior ca cando fala de cousas remotas e nunha lingua allea.*

*A interpretación da Biblia resulta problemática por dobre motivo: por ser unha obra oriental, con tres mil anos de historia, escrita en linguas pouco coñecidas; e por ser unha colección sagrada, inspirada por Deus, coas consecuencias que ese feito comporta. Por estas razóns, para interpretar atinadamente a Biblia, haberá que estar atentos non só aos aspectos de tipo literario, senón tamén a outros, de tipo teolóxico.*

11.1. *Por ser unha obra feita por homes, hai que aplicarlle uns criterios de tipo literario. É preciso estudar o texto dentro dun contexto próximo, no contexto das obras do mesmo autor e no contexto xeral de toda a Biblia. Tamén haberá que pescudar o xénero ou xéneros literarios do libro que se analiza. Ademais, será necesario atender aos xeitos de expresión propios da época e do lugar, pois, se os traducimos á nosa lingua palabra por palabra, non collen sentido. As mesmas palabras hai que as considerar segundo o sentido que tiñan entón e alí, máis ca segundo o que teñen hoxe e aquí. Precísase tamén distinguir os moldes (a casca, os medios de transmisión) dos contidos. Así, dándolle a cada cousa o seu valor, non se cometerán erros semellantes aos que se deron ao longo da historia, por tomar os coñecementos da época como se fosen ensinanzas do autor sagrado.*

11.2. *Por ser unha obra que ten a Deus como autor, deberemos aplicarlle uns criterios teolóxicos. Xa que a Biblia se escribiu por influxo do Espírito Santo, hai que a ler e interpretar coa axuda do mesmo Espírito que incitou a escribila (Concilio Vaticano II, Dei Verbum, núm. 12). A persoa que se move tan só por criterios humanos non pode comprender fondamente as realidades do Espírito; cousa que, en troques, é posible ao "home espiritual" (cf 1 Cor **2**, 14-15), pois o guía o Espírito.*

*Como explicitación do principio establecido (D. V., núm. 12), pódense aducir outros tres máis concretos: atender ao contido e unidade de toda a Escritura, á tradición viva da Igrexa e á analoxía da fe (ib.).*

11.2.1. Contido e unidade de toda a Escritura

*Foi o mesmo Espírito o que inspirou cada un dos libros, dándolle así a toda a Escritura unha estreita unidade. Xa no A. T., os autores máis serodios escriben sabedores de que non fan nada absolutamente novo, senón que actualizan o dos devanceiros. Escriben como membros dunha comunidade ou pobo de Deus, que manifesta a súa fe e que camiña cara a un momento de plenitude, o da chegada de Xesús ao mundo. En Xesús chega a cumprimento a Antiga Alianza e El ofrece os materiais para a elaboración dos escritos do N. T. As dúas Alianzas forman, pois, unha unidade en Cristo, de xeito que, como dicía santo Agostiño, no A. T. contense o Novo, e no Novo móstrase o Antigo. O primeiro anunciaba a Cristo, e Cristo leva o A. T. á plenitude.*

11.2.2. A tradición viva de toda a Igrexa

*Para interpretar a Biblia hai que ter en conta a tradición da Igrexa, co seu Maxisterio ao servizo da palabra de Deus (cf D. V., núm. 10). Iso vén requirido polo feito de que os libros sagrados naceron na Igrexa e para a Igrexa, sendo a mesma Igrexa quen nolos presenta como tales; e tamén porque é un só e mesmo Espírito o que anima á Igrexa, o que move a escribir o libro sagrado, e o que ilumina a quen o le.*

*Certo que, precisamente por mor do E. S., esa tradición non é estática, senón dinámica. A Igrexa afonda na palabra de Deus para alumar novas situacións, guiada sempre polo Espírito. Este leva aos crentes que acoden á Escritura a unha comprensión fonda e experimental, vivida. Deste xeito, asistindo a uns e outros segundo o propio carisma, o Espírito dálle un dinamismo enriquecedor á tradición da Igrexa.*

11.2.3. A analoxía da fe

*Cando, na interpretación dunha obra literaria calquera, nos atopamos cun anaco difícil, intentamos ver outros máis claros da mesma obra ou do mesmo autor, que nos*

*conduzan á comprensión do primeiro. Algo semellante acontece no mundo relixioso: as verdades de fe están de tal xeito relacionadas entre elas, que unhas aclaran as outras. Conseguintemente, se tentamos interpretar un texto difícil, cómpre ter en conta as achegas dos outros datos revelados, xa coñecidos.*

**12. A Escritura, na vida da Igrexa**

*A Igrexa ve na Sagrada Escritura a expresión da súa fe, e ofrécenola como palabra de Deus que dá vida ao crente. Os cristiáns e as cristiás terán nela o pan da palabra e mais o manancial que salta ata a vida eterna. E non han de acudir a ela buscando só o coñecemento doutrinal, pois a Biblia é tamén fonte de vida e de acción. Deixándonos levar polos criterios de Deus que atopamos nela, sentiremos fondamente de acordo con Deus, e Deus moveranos a actuar en consecuencia. A Biblia ten tal importancia para a Igrexa, que ningún resumo da doutrina cristiá nin outro libro humano nos poden dispensar de acudir a ela como luz para os nosos pasos e forza no noso camiñar.*

*Aínda que a palabra de Deus sexa sempre fonte de vida para quen a le, con todo, atinxe uns cumes moito máis altos cando é proclamada na asemblea litúrxica, tornándose así dobremente viva.*

*Xosé Fernández Lago*

# CRITERIOS SEGUIDOS NA TRANSCRICIÓN DOS NOMES DA BIBLIA

1. *No posible, tendemos a conservar o nome tal como se atopa no texto hebreo. Cando este non existe, os nomes dos personaxes hebreos que aparecen nos libros da biblia grega, recollémolos dalgunhas versións que manteñen a forma hebrea.*

2. *Os nomes dos libros da Biblia, xa coñecidos pola xente nunha determinada forma, tendemos a non cambialos. Seguindo este criterio, non dicimos "Iehoxúa", senón Xosué; nin "Iihzequiel", senón Ezequiel.*

3. *Por mor da sinxeleza, reducimos algúns nomes (Ioaquim, en vez de Iehoiaquim; Ioaquín, en vez de Iehoiakín; Ioxafat, en lugar de Iehoxafat).*

4. *Outros nomes son adaptacións dun vocábulo hebreo demasiado complicado (Iefté, por Iiftah; Menaxés, por Menaxxeh; Isacar, por I'š'sakar).*

5. *Outras veces mantemos o nome xa consagrado noutras linguas occidentais (Eva, en vez de Havah; Sansón, en vez de Ximxón; Salomón, en vez de Xelomoh; Sem, por Xem).*

6. *Por mor da accesibilidade, e porque aparece moitas veces (co que se tería a miúdo dificultade), traducimos o vocábulo "Iahveh" por "o Señor", ou, en todo caso, transcribímolo por "Iavé".*

7. *Aproveitando as posibilidades do galego, tentamos manter o "x" cando se emprega no hebreo unha "xin", en vez do "s" que aparece, por exemplo en castelán (Axer, Xaúl... en vez de Aser, Saúl...). Pola mesma razón, os nomes técnicos que noutras linguas levan un "s" ou "sh", transcribímolos cun "x" (Midrax, Mixnah, Maxal, Xemá...).*

8. *Tratamos de manter o "I" consonántico orixinal (Iericó, en vez de Xericó; Iexé, e non Xesé), salvo o costume de respectar os nomes moi coñecidos (Xacob, en vez de Iaacob; Xosé, e non Iosef). Outro tanto facemos co "m", a pesar da tendencia bastante común a convertelo en "n", (Eliaquim, Abiram, Xalum...).*

9. *As reduplicacións das consoantes eliminámolas ("amonita", en vez de "ammonita"; "Xalum" en vez de "Xallum"). Non obstante, conservámolas en palabras moi coñecidas, nas que doutro xeito parecería faltar algo (Acco, Ben-Hinnom...), e nalgunhas outras, por manter o sentido ("Emmanuel"= Deus connosco).*

10. *Así mesmo, cando aparecen dúas vogais seguidas (ao ser practicamente muda a consoante intercalada), se a primeira é só media vogal, suprimímola (Ximí, Elazar..., en vez de Ximei, Eleazar...). Mantemos, en troques, toda a extensión do vocábulo, cando hai un sentido que conservar con claridade (Beerxeba= sete pozos; Baal= señor).*

11. *O "h final", nos nomes máis frecuentes, substituímolo por "s", por ser máis fácil de pronunciar na nosa lingua, e ir máis en consonancia coa biblia grega, co latín, e coas linguas latinas máis achegadas á nosa (Ioxías, Elías..., en lugar de Ioxiah, Elíah...).*

12. *Normalmente transcribimos o "kaf" por "c" (diante de a-o-u), ou por "q" (diante de e-i), máis ben que por "k", de xeito que non resulte estraño na nosa lingua. Soamente mantemos o "k" nalgúns nomes pouco frecuentes e noutros de xente allea á terra de Israel (Kemox, Nekó, Kárkemix...).*

13. *Contando coa dificultade que supoñería para un bo número de lectores a presenza na Biblia de puntos diacríticos, optamos por suprimilos do texto, deixándoos só nas notas de tipo técnico.*

# ABREVIATURAS DOS LIBROS BÍBLICOS

| | |
|---|---|
| **Abd** | Abdías |
| **Am** | Amós |
| **Ap** | Apocalipse |
| **Ax** | Axeo |
| **Bar** | Baruc |
| **Ct** | Cántico dos Cánticos |
| **Carta Xer** | Carta de Xeremías |
| **Col** | Colosenses |
| **1 Cor** | 1.ª Corintios |
| **2 Cor** | 2.ª Corintios |
| **1 Cro** | 1.º Crónicas |
| **2 Cro** | 2.º Crónicas |
| **Dn** | Daniel |
| **Dt** | Deuteronomio |
| **Ecl** | Eclesiastés |
| | (tamén **Chl** = Cohélet) |
| **Eclo** | Eclesiástico |
| | (tamén **Sir** = Ben Sírah) |
| **Ef** | Efesios |
| **Esd** | Esdras |
| **Est** | Ester |
| **Éx** | Éxodo |
| **Ez** | Ezequiel |
| **Feit** | Feitos dos Apóstolos |
| **Flm** | Filemón |
| **Flp** | Filipenses |
| **Gál** | Gálatas |
| **Hab** | Habacuc |
| **Heb** | Hebreos |
| **Is** | Isaías |
| **Lam** | Lamentacións |
| **Lc** | Lucas |
| **Lev** | Levítico |
| **1 Mac** | 1.º Macabeos |
| **2 Mac** | 2.º Macabeos |
| **Mal** | Malaquías |
| **Mc** | Marcos |
| **Miq** | Miqueas |
| **Mt** | Mateo |
| **Nah** | Nahum |
| **Neh** | Nehemías |
| **Núm** | Números |
| **Os** | Oseas |
| **1 Pe** | 1.ª Pedro |
| **2 Pe** | 2.ª Pedro |
| **Pr** | Proverbios |
| **1 Re** | 1.º Reis |
| **2 Re** | 2.º Reis |
| **Rm** | Romanos |
| **Rut** | Rut |
| **Sab** | Sabedoría |
| **Sal** | Salmos |
| **1 Sam** | 1.º Samuel |
| **2 Sam** | 2.º Samuel |
| **Sof** | Sofonías |
| **St** | Santiago |
| **1 Tes** | 1.ª Tesalonicenses |
| **2 Tes** | 2.ª Tesalonicenses |
| **1 Tim** | 1.ª Timoteo |
| **2 Tim** | 2.ª Timoteo |
| **Tit** | Tito |
| **Tob** | Tobías |
| **Xén** | Xénese |
| **Xer** | Xeremías |
| **Xl** | Xoel |
| **Xn** | Xoán |
| **1 Xn** | 1.ª Xoán |
| **2 Xn** | 2.ª Xoán |
| **3 Xn** | 3.ª Xoán |
| **Xob** | Xob |
| **Xon** | Xonás |
| **Xos** | Xosué |
| **Xds** | Xudas |
| **Xdt** | Xudit |
| **Xuí** | Xuíces |
| **Zac** | Zacarías |

# ANTIGO TESTAMENTO

# INTRODUCIÓN AO ANTIGO TESTAMENTO

## 1. O país e as nacións lindantes

1.1. *Referímonos ao País de Canaán, ou dos cananeos, chamado tamén Palestina, por mor dos filisteos (heb. pelixtim), e tamén "Terra de Israel", por ser Israel ou Xacob o pai dos doce homes, cabezas de tribo do pobo destinado a herdar esa "terra prometida".*

*O país ten case 25000 km² de superficie. Os lindeiros tradicionais son: Dan, polo norte; Beerxeba, polo sur; o deserto arábigo, polo leste; e o mar Mediterráneo, polo oeste.*

*O río Xordán, que nace ao pé do monte Hermón, percorre case que todo o país, formando unha depresión progresiva ata a súa foz, no mar Morto. Así, no lugar do seu nacemento está a 200 m sobre o nivel do mar, no lago de Tiberíades está a 212 m por debaixo do nivel do mar e chega ao mar Morto a 392 m por debaixo dese nivel.*

*Fóra do Xordán, non hai outros ríos importantes no país. Son dignos de amentar algúns torrentes, polos feitos que aconteceron a carón deles. Tales, na marxe dereita do Xordán, o Iarmuc, o Iaboc e o Arnón, e na esquerda, o Quixón, que, saíndo dos montes de Guilboé, vai dar, pola terra chá de Israel, ao pé do monte Carmelo.*

*Son tamén merecentes de mención por motivos xeográficos e históricos as terras chairas de Israel ou Esdrelón e a do Xarón: e tamén os desertos de Xudá e do Négueb.*

*A división xeográfica máis común da Palestina é a de catro rexións: Galilea, Xudea, Samaria e Perea. Outros, con todo, prefiren distinguir: A Montaña, a "Xefelah" (os Outeiros), A Costa, O Val do Xordán e A Transxordania.*

1.2. *O pobo de Israel vén configurado pola súa situación xeográfica. Lindaban con el, ao norte, os fenicios e Siria; ao leste e ao sur, Galaad, Amón, Moab, Edom, Madián e os nabateos; ao SO, Amalec; e ao oeste, na costa, os filisteos.*

*Ademais destes pobos, había outros un pouco máis afastados, que deixaban sentir a súa influencia na Palestina, pois loitaban pola hexemonía no Oriente. Eran estes especialmente Exipto, Asiria, Babilonia, Media e Persia. Denantes tivera a hexemonía o Imperio Hitita; e despois deles dominarán alí os gregos e os romanos.*

## 2. Historia de Israel do Antigo Testamento

*A historia de Israel do A. T. comeza moito antes de se escribiren os libros da Antiga Alianza. Estes libros recollen os acontecementos fundamentais e a vida do pobo de Deus ao longo de mil anos, os que van desde os tempos da monarquía, ata a aparición do último libro, o da Sabedoría. Con todo, nalgúns escritos faise referencia, máis ou menos explícita, a unha etapa anterior, coas súas tradicións, e cunha reflexión sobre a historia e sobre a fe, que había de influír nos escritos posteriores.*

### 2.1. Desde Abraham ata o Éxodo

*Abraham non era hebreo, pero pasou ao País de Canaán escoitando unha suxestión divina, e converteuse así en pai dunha grande descendencia hebrea. Deus fai alianza con el, protéxeo e promételle a terra de Canaán en herdanza para el e mais os seus descendentes.*

*Con Isaac e con Xacob, renova Deus a alianza feita con Abraham. A Xacob, múdalle o seu nome polo de Israel; e aos seus doce fillos fainos cabezas de tribo daquel pobo. Un dos fillos de Xacob, Xosé, vai dar a Exipto. Máis adiante tamén vivirán aló os seus familiares. O clan de Xosé e de Benxamín permanecerá en Exipto, nunha situación vantaxosa nun primeiro momento, e dificultosa, incluso escravizante, despois. Daquela, os hebreos claman polo seu Deus, para que os libere e poidan así volver á terra de Israel.*

### 2.2. Desde o Éxodo ata o paso do Xordán

*Os descendentes de Xacob conseguen saír de Exipto, dirixidos por Moisés, un israelita a quen Deus lle revelara o seu nome. Na saída de Exipto e no camiño cara a terra prometida acontecen unha serie de feitos nos que a xente ve a man de Deus, do Señor que lle ía dando consistencia de pobo. Unha vez que chegan ao monte Sinaí, celébrase unha Alianza entre Deus e os liberados da escravitude. Moisés actúa de mediador. En adiante, como froito da Alianza do Sinaí, ese pobo terá ao Señor como o seu Deus, e Deus mirará por ese pobo "coma polas meniñas dos seus ollos". Morre Moisés, e a súa morte, acontecida antes de chegar á terra de bendición, interprétase como un castigo de Deus polos erros que tivera ao longo da súa vida. Xosué toma o relevo de Moisés e conduce a*

*aquela xente ao país que Deus lle prometera a Abraham para el e para os seus herdeiros.*

2.3. Desde o paso do Xordán, ata a Monarquía

*Xosué consegue entrar co pobo na terra abondosa e farturenta que Deus prometera poñerlle nas mans. Axiña viven xa dos froitos daquela terra, que van ocupando pouco a pouco, conforme poden situarse entre os veciños daquel país, ou, en ocasións, conquistando algúns territorios pola forza. Morto Xosué, xorde de vez en cando do medio do pobo un xefe, "xuíz", que leva os guerreiros a gañar lugares insospeitados, vencendo inimigos que semellaban moito máis fortes. Na actuación deses xuíces ven a man de Deus, que prometera aquela terra ao seu pobo.*

*Máis adiante, xorde un novo inimigo: os filisteos. Os exipcios botáranos da súa terra, ao redor do ano 1200, e instaláranse entón na zona costeira de Israel. A preparación guerreira e cultural deste pobo, distinguido entre os "pobos do mar", era moito maior ca a dos israelitas, ciscados en diversas tribos, sen relación entre elas.*

2.4. A Monarquía unida

*Ao establecerse a Monarquía, a situación é axeitada para facer fronte aos inimigos de Israel. Xaúl dá os primeiros pasos, mais xa no seu reinado destaca na loita contra os filisteos un mozo chamado David. A morte de Xaúl, David consegue reinar sobre as tribos do sur da Palestina, e despois tamén sobre as do norte. O seu reinado tórnase enriquecedor para Israel. Certo que entón podía David facer o que fixo, porque xa se desfixera o Imperio Hitita, porque Exipto e Asiria levaban algún tempo adurmiñados, e porque Babilonia aínda non mostrara a súa forza.*

*Salomón leva adiante a política unificadora e expansionista de seu pai, organizando ademais a corte e o resto do país a semellanza do que se facía en Exipto, e fortalecendo lugares estratéxicos, como Meguido e Hazor. No tocante ao aspecto histórico-relixioso, no seu tempo comezan a recollerse e poñerse por escrito algunhas tradicións existentes naquel pobo.*

*Esta etapa da Monarquía unida vén caracterizada pola existencia dunha terra, un rei, un templo (construído por Salomón), e un pobo no que se fai presente o Señor. Mais, ao mesmo tempo, Salomón cargou demasiado a man sobre os seus súbditos, provocando así a posterior división do Reino.*

2.5. Os reinos separados

2.5.1. *En morrendo Salomón, as tribos do norte néganlle a obediencia a seu fillo Roboam, para serviren a Ieroboam. Forman así o Reino de Israel, que ten a súa capital sucesivamente nas cidades de Tirsah e Samaria.*

2.5.2. *Os do sur, fieis a Roboam, son os das tribos de Xudá e Benxamín, que forman o Reino de Xudá, e teñen a Xerusalén por capital. A pesar de seren soamente dúas tribos, dunha delas agárdase que saia o Mesías, descendente de David, e de espírito semellante ao do santo profeta e rei de todo Israel.*

*Nos tempos de prosperidade, a xente esquécese axiña de Deus; e os que teñen bens, a miúdo asoballan os máis pobres. Tal é o que acontece con eses reinos nalgúns momentos da súa historia. Por iso manda Deus a un primeiro grupo de profetas, Amós, Oseas, Miqueas e Isaías, para que chamen o pobo á conversión. Cando a xente non os escoita, eles chegan a ameazar cun castigo do Señor, intentando así que atendan a palabra de Deus e leven unha vida máis conforme coa Alianza que fixeran. Pero o pobo non quererá escoitar aos profetas e, daquela, caerá vítima dos seus males.*

*En efecto, o ano 722, Samaria, a capital do Reino do Norte, cae nas mans de Asiria, repetíndose así o mesmo panorama de once anos antes en Damasco. Os habitantes de Samaria son deportados, e os asirios repoboan o país con colonos. Senaquerib quere facer o mesmo con Xudá, nos tempos de Ezequías (ano 701), aínda que non o chega a conseguir.*

*Sería máis adiante, no ano 598, cando moitos xudeus habían ir deportados a Babilonia, batidos por Nabucodonosor. Once anos despois, no 587, Xerusalén caerá de cheo nas mans do rei de Babilonia. A predicación de Xeremías non atopará oídos ben dispostos, polo que a invasión por el presentida e anunciada se fai realidade. Capitulan os defensores e os babilonios deportan os vencidos. É o final do Reino de Xudá.*

2.6. O exilio babilónico

*Coa caída do Reino de Xudá, morre tamén aquela confianza temeraria que tiña o pobo antes da invasión babilónica. A partir daquel instante, tanto os deportados coma os que permanecían no país ficaron aflixidos, fendidos, sen templo nin sacerdotes. Naquela situación, o profeta Ezequiel comeza a dar azos aos exiliados, animándoos a confiar en Deus. Máis tarde, outro profeta do desterro, o chamado Déutero-Isaías, fará fincapé no*

*poder e mais no amor de Deus ao seu pobo. Pola forza salvadora de Iavé, os exiliados tornarán á súa terra e loarán a Deus.*

*No medio século de exilio a produción literaria é abondosa, pois vai facéndose en dúas frontes, no desterro e mais no país de Israel. Os deuteronomistas fan na súa terra unha relectura da propia historia, á luz da teoloxía, de xeito que poidan afrontar o futuro aprendendo do pasado. A liña espiritualista do profeta Ezequiel desenvólvese con forza no exilio e agárdase que o Deus de Israel "santifique o seu Nome", salvando (tradición sacerdotal), aproveitando os esquemas literarios e culturais da civilización babilónica.*

2.7. O período persa

*Cando Ciro, rei de medos e persas, ocupa Babilonia, permite axiña que os deportados volvan para a súa terra e anímaos a reconstruír o templo (cf Esd **1**, 2-4; 2 Cro **36**, 23). Daquela, unha parte dos xudeus resolven volver ao seu país, mentres que outros prefiren vivir na nova situación babilónica. Na terra de Israel, os profetas Axeo, Zacarías e o chamado Trito-Isaías axudan a reorganizar as cousas. Atínxese a reconstrución do templo e o escriba Esdras promulga solemnemente a Lei, poñendo así as bases do xudaísmo. Máis adiante o Señor suscitará novos profetas Abdías, Malaquías, Xoel, o Déutero-Zacarías e mais o autor da Apocalipse de Isaías (Is **24-27** e **34-35**), para guiar o pobo polos camiños da xustiza, e alentar a esperanza da xente co anuncio dun Mesías semellante a David.*

2.8. O período helenista

*O macedonio Alexandre, nomeado o Magno, chega ata a India, conquistando pobos e nacións e espallando por todas partes a cultura grega. Pero morre ben axiña e os seus xenerais partillan os reinos conquistados. Palestina fica entón sometida aos Ptolomeos ou Láxidas, dinastía moi respectuosa coas tradicións de Israel; pero máis adiante queda vinculada aos Seléucidas, descendentes doutro xeneral de Alexandre Magno. Estes son moi pouco considerados cos costumes do pobo santo. A falta de consideración chega ao cume cando, no ano 167, Antíoco IV Epífanes coloca no mesmo templo de Xerusalén un altar a Zeus e obriga aos xudeus a apostataren do seu Deus e ofreceren sacrificios a Zeus. Prodúcese daquela a rebelión dos Macabeos, que rematará coa liberación de Xerusalén, no ano 164. Paralelamente á rebelión xorden movementos espirituais, que promoven a oración coma o medio máis axeitado para crebar o xugo dos seléucidas. Algúns dos asideos (= piadosos), descontentos, entre outras cousas, por ser nomeado sumo sacerdote un alleo á estirpe sadoquita, prescinden do templo e vanse ao deserto de Xudá. Son os esenios, que deixarán os escritos do mar Morto.*

2.9. O período romano

*O ano 37 proclámase rei, por concesión dos romanos, o idumeo Herodes. Este rei, que será chamado o Grande, vai eliminando, con dureza e tacto político, a todos os seus inimigos, ata conseguir a paz externa en Palestina e ampliar os seus territorios. Goza da confianza do emperador e sabe aparentar diante dos xudeus, presentándose como celoso das súas tradicións. Isto último lévao a edificar en Xerusalén un templo moito máis grande ca o de Salomón, mesmo erguéndolle outro en Samaria a Augusto.*

*Pouco antes da súa morte no ano 4 a. C., nace Xesús. O período de dominio romano prosegue, pero estamos xa nos tempos do Novo Testamento (pódese ver a "Introdución ao Novo Testamento", pp. 1351 ss.).*

*Xosé Fernández Lago*

# INTRODUCIÓN Á XÉNESE

## 1. As orixes da humanidade da man de Deus

*A* Xénese *é o libro das orixes. O seu nome cadra ben co seu contido. A Xénese pregúntase polos principios e polos fundamentos do mundo, da humanidade e do pobo da Biblia. Mostra iso todo no movemento do xurdir dun caos das tebras e da auga, dunha masa confusa onde non había nada, porque nada tiña forma, e no punto de adquirir cada realidade a súa figura, de atopar o seu sitio, de ser bautizado co seu nome. Nese movemento orixinario di a Xénese que está Deus, empuxando todas as cousas para que cheguen a ser boas. Ben seguro que ese propósito non se acabou aínda de facer realidade en todo o tempo que vai de historia cósmica e de historia humana. A imaxe dun mundo bo, no que todas as cousas sexan boas, vive na esperanza das persoas e conta con que Deus siga animando o mundo co seu alento de vida.*

*Para observar máis de preto o seu contido, convén dividir o libro en dúas partes. A primeira, máis curta, fala do mundo e da humanidade en xeral (cc.* ***1-11****). Moitos seguen caendo na tentación de crer que a Xénese responde a preguntas verbo da orixe do xeito que o fan as ciencias, combinando datos e hipóteses das ciencias. A Xénese non é un libro de ciencia nin de historia. É reflexión e anuncio, á luz da fe no Creador, de como son as cousas, de cal é o seu sitio, da súa condición, do seu destino. A Xénese di que todas as cousas levan dentro a esixencia de chegaren a ser boas; pero sabe que o caos de onde veñen está sempre ameazando. O caos adquire carácter particular cando provén da desorde e do mal feitos pola humanidade. Entón o mal revélase á conciencia das persoas como pecado e perdición.*

## 2. Un libro con dúas partes fundamentais

*Na primeira parte, a Xénese fai pasar diante dos ollos algúns modelos de persoas (Adán e Eva, Caín e Abel, cainitas e xetitas, humanidade antediluviana e Noé, os fillos de Noé, a humanidade babélica), para dicirlles a todos cal é a súa condición (envolvemento no mal e no pecado) e cal a súa esperanza (promesa e sinais de salvación). Remata a primeira parte cunha alianza do Creador co mundo e coa humanidade en xeral, un pacto no que Deus se compromete a defender a orde e a vida na súa creación, ao tempo que a humanidade deixa ver o barullo babélico no que se atopa envolta.*

*A segunda parte mostra ao pobo de Israel nos seus primeiros pasos (cc.* ***12-50****). A relación desta parte coa anterior obsérvase no feito da procedencia de Abraham da humanidade dispersa en Babel, criatura que sae do caos, co propósito de que nel abunde o ben, a bendición, para que todos os pobos da terra se chamen benditos no seu nome (****12****, 3). O camiño ía ser a formación dun pobo, que na Xénese é presentado como promesa e como esperanza. Pola alianza particular con Abraham confírmase o porvir do pobo, e por este o ben da humanidade. Catro nomes recadan ao seu arredor os recordos dos devanceiros de Israel: Abraham (cc.* ***12-25****), Isaac (c.* ***26****), Xacob (cc.* ***25-36****), Xosé (cc.* ***37-50****). O primeiro é o home crente, que confía e que acolle a bendición; o segundo recibe e transmite; o terceiro é o titán que rouba a bendición; o cuarto é o que recompón a familia desfeita. A parte do que cada unha das persoas fose na súa historia, os seus nomes chegaron ata nós porque foron significativos para os fillos. Estes, polo seu lado, non deixaron de pór ao día os seus recordos, primeiro na tradición oral e logo na escrita, para que falasen sempre deles. Os descendentes dos patriarcas retratáronse nestes. En cada un puxeron unha nota, branca ou moura, das que vían que eles tiñan. Os recordos dos patriarcas falan todos, á fin, do mesmo tema, da promesa patriarcal: Dunha presa de persoas fará Deus un pobo, levarao a unha terra boa, e daralles bens e bendicións, que chegarán a todos os pobos. Na Xénese recorda Israel a súa orixe e profesa a súa fe en Deus, o seu creador.*

## 3. Unha obra literaria ben feita

*En canto obra literaria a Xénese é un libro moi completo. A historia da súa formación ten que ser lida á luz da do Pentateuco. Tanto a parte coma o todo son froito da fusión de versións diferentes da tradición común de Israel (iavista, elohista e sacerdotal). Nos relatos da Xénese atopamos as probas desa orixe, que un día foi hipótese e hoxe é tese, á altura de todos os lectores. Máis alá das versións ditas da tradición común, na Xénese descóbrense os carreiros de moitas tradicións, que se gardaron nunha rexión determinada, no*

*seo dun clan, nun santuario. A Xénese ofrece ao lector un paraíso de xéneros literarios, poético-populares os máis (mitos, contos, fábulas, lendas, sagas, bendicións), pero tamén informativos (táboas de pobos, listas de xefes, xenealoxías de familias). A historia de Xosé atinxe a categoría de mostra exemplar de xénero historiográfico, independentemente do valor histórico que teña a súa reconstrución do cadro exipcio e a trama que pon en acción aos personaxes.*

## 4. O seu valor histórico

*O valor histórico da Xénese, cos seus relatos de acontecementos e de feitos primeiro dunha representación da humanidade en xeral e despois dos devanceiros de Israel, é en moitos momentos nulo e noutros ben pequeno. Iso mesmo queda xa dito con pór nomes aos seus xéneros literarios. Sería un erro, xa moitas veces cometido, pescudar ciencia ou historia de orixes na súa primeira parte. Eses capítulos queren dicir como é o mundo e mais a humanidade, en canto criaturas que aínda non son o que teñen que ser ou o que o seu Creador quere que sexan. Na segunda parte encontrámonos dentro do tempo histórico, no segundo milenio a. C. As tradicións que aquí atopamos son en boa parte lendas, que teñen na súa base algúns recordos históricos. Non hai dúbida de que os patriarcas existiron. Podemos dar creto aos seus nomes, aos seus movementos entre Mesopotamia e Canaán, e entre estes e Exipto, aos seus usos e costumes. Pero os recordos son episódicos e lendarios e non permiten recompoñer as súas biografías. Nin sequera a historia de Xosé, tan adiantada na súa forma, ten en conxunto valor para a historia.*

## 5. Teoloxía do libro da Xénese

*O verdadeiro valor da Xénese atópase no campo relixioso e no nivel teolóxico. Viñémolo xa observando desde as primeiras liñas. A Xénese fala máis de iniciativas de Deus ca de obras dos homes. Destas fala tamén, pero sempre para as observar á vista das primeiras. O mundo, a humanidade, os devanceiros de Israel, non son coñecidos pola Xénese senón coma obra de Deus, criaturas que han chegar á condición de seren boas para estar creadas de todo. A Xénese é o prólogo da historia humana enteira, do xeito en que a entende a Biblia, como historia de salvación. No tempo que corre, o mundo está ameazado polo caos, e a humanidade pola morte, o pecado, a confusión. A Xénese fai anuncios salvadores, proclamando, no mesmo intre en que descobre o pecado, unha primeira boa nova (**3**, 15) e prometendo a esperanza a un pobo que quere ser bendición para todos os pobos. A historia revélase aí mesmo como tensión entre o que é e o que ten que ser, entre a realidade e a esperanza, entre a palabra creadora e o seu cumprimento.*

# XÉNESE

## O MUNDO E A HUMANIDADE

### A creación

**1** [1]No principio creou Deus o ceo e a terra.
[2]A terra era unha masa deforme e baldeira, as tebras cubrían o abismo e un vento poderoso axitaba as augas.
[3]Mandou Deus que houbese luz, e houbo luz. [4]Viu Deus que a luz era cousa boa e arredouna das tebras. [5]Á luz chamouna día e ás tebras chamounas noite. E con iso completouse o primeiro día da semana.
[6]Quixo Deus que houbese un espazo para arredar as augas das augas. [7]E fixo un espazo, que arredaba as augas de enriba das de embaixo. [8]Ao espazo rematado Deus chamouno ceo. E completouse o segundo día.
[9]Mandou Deus que se xuntasen as augas de embaixo nun lugar e que aparecese o chan enxoito. E así foi. [10]Ao chan enxoito chamouno terra e ás augas xuntas, mares. E viu que estaba ben. [11]Mandou Deus que a terra xermolase herba verde, plantas coa súa semente e árbores que desen froitos, cada unha coa súa semente, conforme á súa especie. E así foi. [12]A terra xermolou herba verde, plantas coa súa semente, árbores que daban froito, cada unha coa súa semente. E viu Deus que estaba ben. [13]E completouse o terceiro día.
[14]Mandou Deus que houbese luces no espazo para distinguir o día da noite, para dar sinal das festas, das estacións e dos anos, [15]e para que, brillando no espazo, alumasen a terra. E así foi. [16]Deus fixo dúas luminarias, a grande que rexe o día, a pequena que rexe a noite, e tamén as estrelas. [17]Púxoas no espazo, para alumar a terra, [18]para rexer o día e a noite e para distinguir a luz das tebras. E viu que estaba ben. [19]E completouse o cuarto día.
[20]Quixo Deus que as augas fosen un fervedoiro de peixes e o espazo entre o ceo e a terra un voar de paxaros. [21]E creou os monstros mariños, os moitos xéneros de peixes que referven nas augas e todas as sortes de paxaros. E parecéronlle ben. [22]E bendiciunos deste xeito: Reproducídevos, crecede, enchede as augas do mar e que os paxaros medren na terra. [23]E completouse o quinto día.
[24]Mandou Deus que a terra producise as varias especies de animais, os domésticos, os réptiles e as feras salvaxes. E así foi. [25]Deus fixo as varias especies de feras salvaxes, animais domésticos, réptiles, e parecéronlle ben.
[26]Despois dixo Deus: –Fagamos o home á nosa imaxe e á nosa semellanza, e que mande nos peixes do mar, nos paxaros do ceo, nos animais domésticos e nos réptiles todos da terra.

**1**, 1-**2**, 4 A Imaxe da creación, debida á tradición sacerdotal. No espazo convencional dunha semana e nunha linguaxe seca e de fórmulas fixas, vese aparecer o mundo enteiro, cos seus diversos elementos, e estes enchérense de cousas e de vida, ata rematar co home, verdadeiro cume da pirámide, feito a imaxe de Deus. Non hai que ler este capítulo como se fose historia, tal como a entendemos hoxe, senón como definición de todo canto existe: todo é criatura, e Deus o Creador. A criatura non é divina, pero ten unha dignidade. A "semana" é o tempo de Deus; abrangue o tempo todo do cosmos e da historia. No tempo que nós podemos coñecer, a creación de Deus está levando a termo as cousas que se crean. A creación é cantada e lembrada moitas veces (Xob **38**s; Sal **8**, 19a; **104**; Pr **8**, 22-31).
**1**, 1 Crear, co verbo "bará", refírese á acción propia de Deus. Neste contexto significa facer saír do caos os elementos, as cousas que os enchen e, máis ca nada, a vida. No Segundo Isaías é sinónimo de salvar, acción de Deus na historia pasada e futura.
**1**, 2 Tres xeitos de representar o caos, no que as cousas non teñen forma, nin existen: as tebras, o abismo das augas, o vento poderoso. No lugar de "vento" podería tamén lerse "espírito de Deus", pois o vocábulo *rúah* serve para significar ámbolos dous. Daquela, máis que falar do caos, alúdese á forza de Deus, que o somete; mais o poder creador de Deus exprésase pola palabra en todo o capítulo.
**1**, 3 *Mandou*: pon en forma de relato o que no texto é unha orde: "Dixo Deus: Haxa luz...". Sempre que no capítulo lemos "mandou" ou "quixo Deus", corresponde á mesma orde. Enténdese que o Deus transcendente crea pola palabra; tamén pola acción (vv. 6. 16. 25s). A luz destrúe un dos elementos do caos, as tebras; a luz mostra as cousas na súa forma e ten que ver coa vida.
**1**, 5 *Completouse*, ao pé da letra: "foi tarde e foi mañá". Os hebreos miden o día comezando á caída da tarde.
**1**, 6 *Espazo*, máis literalmente: "firmamento", entendido coma unha bóveda firme, que sostén as augas de enriba.
**1**, 14ss Tamén os astros que teñen importancia para a vida, porque dan lugar ás estacións e ao ritmo do calendario, son criaturas de Deus; non son deuses como nas relixións veciñas; obedecen as ordes de Deus (Sal **135**, 7-9; Is **40**, 26; Xer **31**, 35; Bar **3**, 33-35).
**1**, 20ss Os sabios verán as cousas á inversa: os animais na súa condición de criaturas, apuntan cara ao Creador (Xob **12**, 7-12).
**1**, 26 *Fagamos o home*. Tamén poderiamos traducir "Imos facer o home", pois o plural "Imos facer" leva a imaxinar unha deliberación de Deus coa súa corte (**3**, 22; 1 Re **22**, 19ss; Xob **1**, 6ss); reviste a creación do home dunha solemnidade especial. "Imaxe e semellanza" son dous termos sinónimos; o primeiro subliña o aspecto físico, e o segundo adonda ese acento. Deus revélase como persoa. Deus persoa é a orixe da persoa humana. No ser persoa consciente, libre, con soberanía sobre o mundo, o home atinxe o punto da semellanza con Deus (**5**, 1; **9**, 6; Sal **8**, 6ss; Sab **2**, 23; Eclo **17**, 3-6; 1 Cor **11**, 7).

[27]E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, creouno varón e femia.
[28]E bendiciunos así: Reproducídevos, crecede, enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos réptiles todos da terra.
[29]E díxolles aínda: Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e todas as árbores que dan froito coa súa propia semente: serviranvos para a mantenza.
[30]As feras todas do monte, aos paxaros do ceo e aos réptiles que viven na terra doulles a herba para a mantenza.

E fíxose así.
[31]Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo. E completouse o sexto día.

**2** [1]Quedaron así rematados o ceo e a terra e todos os elementos.
[2]Deus concluíu no día sexto a obra que emprendera e o sétimo día repousou de todo o seu traballo.
[3]Deus bendiciu o sétimo día e consagrouno: nese día repousou de todo o traballo de crear.
[4]Esta é a historia da creación do ceo e da terra.

### O home no xardín

Cando o Señor Deus fixo a terra e o ceo,
[5]na terra non había aínda ramallada nin xermolaba herba no campo, porque o Señor Deus non fixera chover sobre a terra nin existía o home que traballase o agro.
[6]Da terra xurdía un manancial que regaba o campo,
[7]e o Señor Deus formou un home do po da terra, soproulle no nariz o alento da vida e tornouse o home persoa viva.
[8]O Señor Deus plantou un xardín en Edén, cara a oriente, e puxo nel ao home que formara.
[9]Fixo xermolar da terra árbores fermosas para a vista e boas para comer e, entre elas, a árbore da vida e a árbore do coñecemento do ben e do mal.
[10]En Edén nacía un río que regaba o xardín e de alí ía partirse en catro brazos.
[11]O primeiro chamábase Pisón: percorre o país de Havilá, onde se acha ouro;
[12]o ouro deste país é de calidade, e alí hai tamén ámbar e ónix.
[13]O segundo chamábase Guihón e percorre o país de Cux.
[14]O terceiro é o Tigris, que corre ao oriente de Asiria, e o cuarto é o Eufrates.
[15]O Señor Deus estableceu o home no xardín de Edén, para que o traballase e o coidase.
[16]E deulle esta orde: Podes comer do froito das árbores todas do xardín
[17]pero da árbore do coñecemento do ben e do mal non comerás, pois en canto comas dela de certo morrerás.

### A parella home-muller

[18]O Señor Deus pensou: Non está ben o home só. Vou facer para el unha axuda ao seu xeito.

**1**, 27s *Varón e femia*, co principio da fecundidade en si mesmos, como as outras formas de vida; a bendición de Deus déixase ver na fecundidade e no dominio (**9**, 1; Sal **8**, 6ss; Sab **9**, 2s; **10**, 2; Mt **19**, 4).
**1**, 29s Deus prové na mesma terra con que soster a vida (Sal **104**, 14).
**2**, 2s O nome do sábado derívase aquí do verbo que significa cesar do traballo, repousar. O repouso de Deus é visto como razón do repouso dos homes (Éx **20**, 8-11; **31**, 12-17). Pola garda do sábado élles dado aos homes entrar no tempo de Deus, a semana da creación, que representa o tempo enteiro no que as cousas todas atinxan o seu termo e cheguen a ser boas.
**2**, 4b-25 Aquí comeza a versión iavista da creación do home. Agora este non é visto como cume da pirámide do universo, no que non pensa o iavista, senón como obxecto primeiro e case que único da creación de Deus. As outras realidades son para o iavista complemento do home: a terra fértil, o xardín, os animais. Pero nada completa ao home senón quen é coma el: a muller. O capítulo non fala tanto da orixe do home, canto da súa condición.
**2**, 4 *O Señor Deus* ou "Iavé Deus". O nome divino de Iavé non foi coñecido dos hebreos antes de Moisés (Éx **3**, 13ss; **6**, 2s). Pero o iavista, que viviu nos días de Salomón, non reparou nese dato e chámalle Iavé a Deus desde o comezo da súa historia. Esa é a razón do nome do "iavista".
**2**, 5 O iavista non pinta o caos -o oposto da creación- como tebras, auga ou vento, senón como deserto, por falta da auga que dá a vida.
**2**, 7 *O home* ("adam") é referido á terra ("adamah") e mais ao sopro de Deus. Eses son os datos básicos da antropoloxía bíblica. Esta ignora o dualismo do espírito encarnado, e coñece a unidade do corpo animado ou con vida. Nin o corpo sen sopro nin o sopro sen corpo son o home (Xob **34**, 14s; Sal **15**, 8. 11; Sal **104**, 29s; Ecl **3**, 20s; **12**, 7). Adán é nome propio en **4**, 25 e **5**, 3s; no resto destes capítulos é substantivo común: o home.
**2**, 8 *Un xardín en Edén*, un horto cultivado na estepa. Xardín non ten aquí aínda toda a carga de significación que terá máis tarde "paraíso"; pero é xa un sitio diferente, un lugar de teofanía. Edén deixa de ser "estepa" para se converter en nome propio, situado alá polo oriente, onde o autor do capítulo supón que naceu a humanidade.
**2**, 9 No xardín, fóra das árbores froiteiras correntes, hai dúas de carácter mítico. En moitas mitoloxías é ben coñecida a árbore da vida, a planta que rexuvenece (epopea de Guilgamex), e tamén a árbore do coñecemento. Coñecer "o ben e o mal" é coñecelo todo; e quen coñece, domina. As dúas árbores son símbolo das dúas propiedades que distinguen a Deus dos homes: a vida sen fronteira ou a inmortalidade, e o coñecemento de todas as cousas ou o señorío universal.
**2**, 10-14 O tema dos ríos é aquí coma unha paréntese. Nela quérese dicir que a vida toda que hai no mundo (pois a redución a un xardín e a unha parella é convencional), procede da mesma fonte ca a do xardín en Edén. Non paga a pena esforzarse por saber cales son os catro ríos. Son os sitios de vida na terra.
**2**, 17 "Comer da árbore" é tratar de se apoderar do que a árbore significa: a propiedade divina do dominio de todo. A prohibición de comer o froito indica o límite da condición humana, ao tempo que supón que nas normas que obrigan aos homes está Deus. "Morrer" non se refire á morte física; os que coman o froito prohibido sentirán a morte no erro, no fracaso, na vergoña, no vérense ameazados e teren medo, como mostra o capítulo seguinte.

[19]O Señor Deus formou de terra as feras do monte e os paxaros do ceo, e presentoullos ao home, para ver que nomes lles puña. Cada ser vivo levaría o nome que o home lle puxese. [20]O home púxolles nomes aos animais domésticos, aos paxaros do ceo e ás feras do monte. Pero entre eles non había unha axuda ao seu xeito. [21]Entón infundiu o Señor Deus un sono profundo no home, e este adormeceu. Tiroulle unha costela e cerrou con carne o sitio. [22]Da costela do home formou unha muller e presentoulla ao home. [23]O home exclamou: –Agora esta é coma min, o mesmo óso, a mesma carne. Chamarase muller, porque foi tirada do home.

[24]Por iso deixa o home seu pai e súa nai para xuntarse coa súa muller e faceren un mesmo corpo. [25]Estaban os dous espidos, o home e a muller, pero non sentían vergonza.

### A condición humana e a promesa

**3** [1]A serpe era o máis arteiro de todos os animais que o Señor Deus fixera. Díxolle á muller: –Conque Deus vos prohibiu comer do froito das árbores do xardín?

[2]A muller respondeulle: –Podemos comer do froito das árbores todas do xardín. [3]Soamente da árbore de alá no fondo nos mandou Deus: Non comades dela nin a toquedes, non sexa que morrades.

[4]A serpe insistiu: –De ningunha maneira morreredes. [5]É que Deus sabe ben que o día en que comades dela, se vos abrirán os ollos e seredes coma Deus, sabedores do ben e do mal.

[6]A muller reparou que o froito da árbore era saboroso, atraente, e bo para adquirir entendemento. E coa mesma colleu do froito e comeu; logo deulle ao seu home, e tamén el comeu. [7]Entón abríronselles os ollos aos dous e decatáronse de que estaban espidos. Entrelazaron follas de figueira e cinguíronse con elas. [8]Oíron ao Señor Deus camiñar polo xardín ao aire do día e acocháronse os dous entre as árbores. [9]Mais El chamou polo home, preguntándolle: –Onde estás?

[10]Respondeu o home: –Oínte no xardín e tiven medo. Ao verme espido, agacheime.

[11]Preguntoulle o Señor Deus: –Quen che dixo que estabas espido? É que comiches da árbore da que che prohibira comer?

[12]Respondeulle o home: –A muller que me deches por compañeira ofreceume do froito, e comín.

[13]O Señor Deus díxolle á muller: –Que é o que fixeches?

E a muller respondeu: –A serpe enganoume e comín.

[14]Entón o Señor Deus díxolle á serpe: –Porque fixeches isto, maldita sexas entre os animais e as feras todas do monte. Andarás arrastrada e comerás po toda a túa vida. [15]Poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa liñaxe e a dela. Ti tentarás de atanguerlle o calcañar, pero ela esmagarache a cabeza.

[16]Á muller díxolle:

–Terás moitos afáns na túa preñez,
parirás con dor os fillos.
Devecerás polo teu home
e el dominarate.

[17]Ao home díxolle: –Porque lle fixeches caso á túa muller, comendo do froito da árbore que che prohibira comer, por culpa túa será maldita a terra: con traballos tirarás dela a túa mantenza mentres vivas. [18]Producirache silvas e abrollos e terás que comer herbas

**2**, 20 "Pór nomes" é someter a un ordenamento. Supón dominio do home sobre os animais. Pero no dominio non é onde se atopa a axuda axeitada. Os animais danlle ao home sustento, vestido e compaña; mais non a compaña que lle cómpre para facerse home.

**2**, 21s A costela coñécenselle diversos simbolismos. Aquí a razón primeira de pintar dese xeito a orixe da muller é afirmar a identidade entre ela e o home.

**2**, 23 A identidade confírmase outra vez pola dos termos "home" e "muller", un mesmo substantivo con dúas formas. No hebreo percíbese o matiz con mais claridade: vén dicindo "chamarase *varona*, porque foi tirada do *varón*".

**2**, 24 A atracción entre os dous sexos, un dos principios do matrimonio e da familia (Mt **19**, 5s; Ef **5**,31).

**3**, 1 *A serpe*, animal divino en moitas relixións, non é aquí aínda personificación do mal; é un animal arteiro e aborrecido. A súa figura serve ao iavista para pór fóra, en palabras que se lle dirixen, ambicións que todo home leva dentro.

**3**, 5 Iso desmente o que dixo Deus (**2**, 17). Comer do froito non será razón de morte, senón de coñecemento do ben e do mal, dominio de todas as cousas; igualarse a Deus, que entón perde o dereito de dar normas.

**3**, 7 Este é un dato novo. En **2**, 25 non era coñecido, porque non se falara aínda de obra ningunha do home. Verse espidos é sentir a fondo toda a pobreza da condición humana.

**3**, 8 Deus non pode ser esquivado polo home: volve aparecer no rumor de calquera cousa, metendo medo e facendo tomar conciencia do pecado.

**3**, 14 A maldición é coma un mal que chega ao fondo, ás raíces das cousas. Non vén de fóra delas; é a súa mesma imperfección que se descobre, ao miralas diante de Deus. Aquí vese na serpe, despois na terra pobre (**3**, 17), e por fin no home mesmo (**4**, 11; **9**, 25).

**3**, 15 A liñaxe da muller, á humanidade, agóiraselle unha vida de loita (Ap **12**, 17); mais tamén se lle asegura a vitoria sobre o mal, representado na serpe. Este anuncio soteriolóxico é a mensaxe central deste capítulo. A esta boa nova chámaselle "primeiro evanxeo". Da promesa de vitoria sobre o mal pola liñaxe da muller, nacerá logo a esperanza no Mesías.

**3**, 16 As penas impostas á muller, e mesmo as da serpe e as do home, son penalidades apegadas á súa propia condición. Convértense en pena, cando se revelan emparelladas co pecado. O ollo que mira fai cambiar a cor das cousas.

silvestres. [19]Comerás o pan coa túa suor, ata
que volvas á terra da que fuches tirado. De
feito, ti es po e ao po tes que volver.
[20]O home chamou Eva á súa muller, pois
vén ser a nai de todos os que viven. [21]O Se-
ñor Deus fíxolles túnicas de pel ao home e á
muller, para se vestiren.
[22]Logo o Señor pensou: Agora que o home
veu ser coma un de nós, en canto a coñecer
o ben e o mal, non vaia ser que tenda a man,
colla tamén da árbore da vida, coma do froito
e viva sempre.
[23]E botou ao home do xardín de Edén, para
que cultivase a terra da que fora tirado. [24]E
despois de botalo do xardín, puxo no oriente
querubíns con espadas flamexantes, para cor-
tarlle o paso cara á árbore da vida.

### Caín e Abel

**4** [1]O home achegouse a Eva, súa muller, e
esta quedou embarazada. Deu a luz a
Caín, e exclamou: –Pola graza do Señor ad-
quirín un home.
[2]Logo deulle un irmán a Caín, parindo a
Abel. Abel era pastor e Caín, labrador.
[3]O tempo pasaba e Caín presentáballe ao
Señor ofrendas dos froitos da terra. Tamén
Abel sacrificaba as primicias dos seus raba-
ños e ofrecía as partes mellores. [4]O Señor
miraba con bos ollos para Abel e para a súa
ofrenda, [5]pero non para Caín e para a súa.
Caín anoxouse moito e andaba coa cara ca-
rraxenta.
[6]O Señor díxolle a Caín: –Por que te alpo-
rizas e andas coa testa baixa? [7]Se o fas ben,
poderás levala ergueita. Se non o fas, xa o pe-
cado rolda á túa porta, estate axexando. Pero
ti pódelo dominar.
[8]Caín falou con seu irmán. E cando saíron
fóra, botouse contra el e matouno.
[9]O Señor preguntoulle a Caín: –Onde está
Abel, teu irmán?
Respondeu el: –Non o sei. Ou son eu o
garda de meu irmán?
[10]O Señor dixo: –Que fixeches? O sangue
de teu irmán chama por min desde a terra.
[11]Agora maldite esa terra que abriu a súa
boca para recibir da túa man o sangue de teu
irmán. [12]Aínda que a traballes, non che vol-
verá dar froitos con xenerosidade. Irás polo
mundo errante e fuxitivo.
[13]Caín díxolle ao Señor: –O castigo é
grande de máis para o poder aturar. [14]Agora
bótasme desta terra, e quedarei fóra da túa
vista. Errante e fuxitivo polo mundo, matara-
me o primeiro que me atope.
[15]Respondeulle o Señor: –Se alguén mata
a Caín, pagarao sete veces.
E púxolle un sinal, para que ninguén que
o atopase o matase. [16]Caín saíu da presenza
do Señor e estableceuse en Nod, ao oriente
de Edén.

### Cainitas e xetitas

[17]Caín achegouse á súa muller e esta que-
dou embarazada e deu a luz a Henoc. Caín
construíu unha cidade e púxolle o nome de
seu fillo.
[18]Henoc foi pai de Irad, este de Mehuiael,
este de Metuxael e este de Lámec. [19]Lámec
casou con dúas mulleres, unha de nome Adah
e outra Silah. [20]Adah pariu a Iabal, pai dos
que habitan en tendas e teñen gandos. [21]Seu
irmán chamábase Iubal, pai dos que tocan a
cítola e a frauta. [22]Silah, pola súa parte, pariu
a Túbal-Caín, inventor das ferramentas de

**3**, 19 A condición mortal está escrita no ser do home de terra (**2**, 7; Xob **34**,14s; Sal **104**, 29; Ecl **3**, 20; Eclo **17**, 1).
**3**, 20 O nome *Eva* derívase do verbo vivir; na forma intensiva, dar a vida.
**3**, 22 Facer saír o home de onda a árbore da vida, é tiralo dun perigo, que o levaría a outro erro.
**3**, 24 A imaxe dos *querubíns* está inspirada na dos xenios gardiáns das grandes mansións, pazos ou templos. A carón da Arca da Alianza terán outra función: a de trono de Deus (Éx **25**, 18; 1 Sam **4**, 4).
**4**, 1 O nome de *Caín* faise saír do verbo que significa "adquirir". Co xogo etimolóxico, a nai dá as grazas a Deus polo fillo que lle naceu. Con el confírmase o seu propio nome como nai dos viventes (**3**, 20). O relato de Caín e Abel é parello do precedente. Mostra outro xeito de pecado, outra nota da condición humana; ao tempo profesa a esperanza na salvación, polo sinal de Caín. Segue sendo do autor iavista.
**4**, 4s A preferencia de Deus revélase en sinais: Abel ten boa sorte e Caín non. O iavista é moi amigo de facer ver que Deus é libre nas súas preferencias; ou é misterioso para o home: elixe ao máis novo e desbota ao primoxénito.
**4**, 7 O texto hebreo é escuro.
**4**, 8 No lugar de "falou", as versións len: "Caín díxolle a seu irmán Abel: Vaiamos fóra".
**4**, 9 O pecado de Caín comeza en non sentirse "garda" de seu irmán.
**4**, 11s O sangue vertido clama desde a terra cara a Deus; esa terra bota fóra dela o criminal. Niso estará a pena de Caín.
**4**, 16 O sinal de Caín é a marca do clan ao que pertence. Calquera pode saber polo sinal que o clan vingará o seu sangue; por iso mesmo gardarase de lle facer ningún mal. Nese sinal e nesa lei está Deus defendendo a Caín. O nome do país de Nod fai xogo coa condición de "fuxitivo" ("nad") de Caín.
**4**, 17 A muller de Caín proviña do seu propio clan. Aquí non ten consistencia a ficción do iavista de reducir a humanidade a dúas parellas, cunha única muller que era a nai.
**4**, 20ss A xenealoxía dos descendentes de Caín mostra unha humanidade xa crecida e moi diversificada nos seus xeitos de vida. Neste cadro parece ser o progreso o que tenta os homes ao mal.

bronce e de ferro. Tiña unha irmá que respondía por Naamah.
[23]Lámec avisou ás súas mulleres Adah e Silah: –Escoitádeme, mulleres de Lámec, atendede ás miñas palabras. Por unha ferida matarei un home, por un golpe un rapaz. [24]Se Caín é vingado sete veces, Lámec serao setenta e sete.
[25]O home Adán achegouse outra vez á súa muller, que deu a luz un fillo. Púxolle o nome de Xet, agradecendo: –Deus concedeume un fillo no posto de Abel, a quen matara Caín.
[26]Tamén Xet tivo un fillo, a quen puxo o nome de Enox. Daquela empezaron os homes a invocar o nome do Señor.

### Patriarcas antediluvianos

**5** [1]Xenealoxía da humanidade. Cando Deus creou o home, fíxoo á súa imaxe. [2]Creounos varón e muller e bendiciunos. Ao crealos, chamounos "homes".
[3]Adán tiña cento trinta anos cando xerou un fillo, imaxe súa e semellante a el. Púxolle o nome de Xet. [4]Adán viviu aínda oitocentos anos e tivo outros fillos e fillas. [5]Por xunto viviu Adán novecentos trinta anos e logo morreu.
[6]Xet tiña cento cinco anos cando lle naceu Enox. [7]Despois viviu oitocentos sete anos e tivo outros fillos e fillas. [8]Por xunto viviu Xet novecentos doce anos e logo morreu.
[9]Enox tiña noventa anos cando lle naceu Quenán. [10]Viviu aínda oitocentos quince anos e tivo outros fillos e fillas. [11]Por xunto viviu novecentos cinco anos e logo morreu.
[12]Quenán tiña setenta anos cando lle naceu Mahalalel. [13]Despois viviu oitocentos corenta anos e tivo outros fillos e fillas. [14]Por xunto viviu novecentos dez anos e logo morreu.
[15]Mahalalel tiña sesenta e cinco anos cando lle naceu Iared. [16]Viviu aínda oitocentos trinta anos e tivo outros fillos e fillas. [17]Por xunto viviu oitocentos noventa e cinco anos e logo morreu.
[18]Iared tiña cento sesenta e dous anos cando lle naceu Henoc. [19]Despois viviu oitocentos anos e tivo outros fillos e fillas. [20]Por xunto viviu novecentos sesenta e dous anos e logo morreu.
[21]Henoc tiña sesenta e cinco anos cando lle naceu Metuxalén. [22]Andou o camiño con Deus. Despois de lle nacer Metuxalén viviu aínda trescentos anos e tivo outros fillos e fillas. [23]Por xunto viviu trescentos sesenta e cinco anos. [24]Andou o camiño con Deus e logo desapareceu, porque Deus o levou.
[25]Metuxalén tiña cento oitenta e sete anos cando lle naceu Lámec. [26]Despois viviu setecentos oitenta e tres anos e tivo outros fillos e fillas. [27]Por xunto viviu novecentos sesenta e nove anos e logo morreu.
[28]Lámec tiña cento oitenta e dous anos cando lle naceu un fillo. [29]Púxolle o nome de Noé, esperando: Este hanos aliviar dos traballos e angueiras que por culpa da maldición do Señor nos causa a terra. [30]Despois viviu cincocentos noventa e cinco anos e tivo outros fillos e fillas. [31]Por xunto viviu Lámec setecentos setenta e sete anos e logo morreu.
[32]Noé tiña cincocentos cando lle naceron Sem, Cam e Iafet.

### A corrupción xeral

**6** [1]A humanidade creceu, estendeuse pola terra e nacéronlle fillas. [2]En vendo os fillos de Deus que as fillas dos homes eran belas, tomaron de entre elas mulleres, como ben lles parecía. [3]Entón dixo o Señor: –O meu alento de vida non permanecerá cos homes para sempre, pois non son máis ca carne. A súa vida non durará máis de cento vinte anos.
[4]Cando os fillos de Deus se achegaban ás fillas dos homes e tiñan fillos delas, e aínda despois, existían na terra os xigantes. Son os nomeados heroes doutros tempos.
[5]Ao ver o Señor que a maldade dos homes medraba na terra e que todos os seus pensamentos eran só para o mal, [6]arrepentiuse de

**4**, 23s Sen contar con outro regulador, Lámec establece ao seu antollo a medida da xustiza ou da vinganza. Pódese ver que esa medida logo acabará coa humanidade.
**4**, 25 O nome de *Xet* é entendido á luz do verbo "pór" ou "conceder"; Deus é recoñecido tamén no nacemento deste fillo.
**4**, 26 O nome divino Iavé é aquí un anacronismo do iavista (**2**, 4b). See nome foille revelado a Moisés (Éx **3**, 13ss). Os xetitas, esperanza da humanidade corrompida dos cainitas.
**5**, 1ss Esta lista de patriarcas antediluvianos sérvelle á tradición sacerdotal para mostrar a continuidade da vida desde a súa fonte, Deus, ata o diluvio. As grandes lonxevidades serven para encher un espazo longo de historia e para proclamar que a vida é máis forte canto está máis preto de Deus.
**5**, 23s *Henoc* viviu menos tempo; pero non se di que morre, senón que Deus o "levou", como se dirá tamén de Elías (2 Re **2**,11s). De aí naceu a idea de que vive e de que, como ningún outro home, puido coñecer os lados escuros e o futuro da historia, razón para atribuírlle libros apocalípticos.
**6**, 1ss O iavista sérvese agora neste anaco dun mito, para mostrar outra aberración do home no mundo: a mestura de seres divinos e humanos. Quizais a súa idea sexa a de condenar a ambición de producir o superhome. A imaxe deste veulle da tradición cananea dos xigantes (Núm **13**, 33; Dt **1**, 28; **2**, 10. 20s). En castigo do erro, a vida humana perde vigor, acúrtase en anos.
**6**, 5ss O relato do diluvio é unha mostra de xustiza e de graza salvadora de Deus, como os cadros que vimos atopando desde o capítulo tres. A orixe da lenda haina que buscar

os ter posto sobre a terra, pesoulle no corazón. 7E decidiu: –Vou borrar da terra o home
que creei e con el tamén o gando, as feras e
os paxaros, pois mesmo sinto telos feito.
8Pero Noé achou o favor do Señor.

**Noé**

9Esta é a historia de Noé.

Noé era un home xusto, enteiro, entre as
xentes do seu tempo. Seguía os camiños de
Deus. 10Tiña tres fillos, Sem, Cam e Iafet.
11Ora que a terra estaba toda enviciada aos
ollos de Deus, chea de violencia. 12Deus ollou
para a corrupción na que toda a terra caera,
pola conduta dos homes, 13e díxolle a Noé:
–Para min chegou a fin de todos os seres vivos, pois por culpa deles está a terra chea de
crimes. Vounos exterminar todos con ela. 14Ti
constrúe unha arca de madeira resinosa. Fai
nela celas e calafatéaa con betume por dentro e por fóra. 15Farala deste xeito: o longo de
trescentos cóbados, o ancho de cincuenta, a
altura de trinta. 16Poraslle unha cuberta; un
cóbado debaixo dela deixaraslle unha bufarra
e por un lado unha porta; levará tres pisos superpostos: o baixo, o medio e o alto. 17Eu vou
mandar un diluvio –as augas– sobre a terra,
para acabar coa vida toda de debaixo do ceo:
perecerá canto hai na terra. 18Pero contigo establezo unha alianza. Ti entra na arca cos teus
fillos, coa túa muller e coas mulleres de teus
fillos. 19Meterás tamén nela, para que salven a
vida, unha parella de animais, macho e femia,
de todas as especies, 20paxaros, animais domésticos, réptiles, conforme as súas especies
respectivas. 21Terás que te prover de alimentos e gardalos contigo, para que vos sirvan de
mantenza a ti e mais a eles.
22Noé fixo todo conforme Deus lle mandara.

**O diluvio**

**7** 1O Señor díxolle a Noé: –Entra na arca
con toda a túa familia, pois teño visto que ti
es o home xusto desta xeración. 2De todo animal puro colle sete parellas, macho e femia;
dos non puros, unha parella, macho e femia;
3dos paxaros, tamén sete parellas, macho e femia, para que se garde viva a especie na terra.
4Dentro de sete días farei chover sobre a terra
corenta días seguidos, coas súas noites, e varrerei da face da terra os seres todos que creei.
5Noé fixo todo conforme lle mandara o
Señor. 6Tiña seiscentos anos cando veu o diluvio sobre a terra. 7Para se salvar del, entrou na arca cos seus fillos, coa súa muller e
coas súas noras. 8Con Noé entraron na arca
animais puros e impuros, paxaros e todas
as especies de réptiles que hai na terra, por
9parellas, macho e femia, conforme Deus lle
mandara.
10Ao cabo de sete días as augas do diluvio
alagaban a terra. 11Noé tiña seiscentos anos,
e era o día dezasete do segundo mes, cando
fenderon as fontes do abismo, en riba do firmamento, e se abriron as comportas do ceo.
12Choveu sobre a terra corenta días coas súas
noites. 13Nese mesmo día entrou Noé na arca
cos seus fillos, Sem, Cam e Iafet, coa súa muller e coas tres noras. 14Ademais deles entraron
animais de todas as especies, gandos, réptiles,
aves, paxaros. 15Con Noé entraron na arca
parellas de todos os seres con vida, 16macho
e femia de cada especie, conforme Deus lle
mandara. Despois o Señor pechou por fóra.
17Durante corenta días caeu un diluvio sobre a terra. As augas, ao encheren, erguían a
arca sobre o chan. 18Chegaron a medrar tanto, que a arca aboiaba por riba delas. 19Subiron máis e máis sobre a terra, ata cubrir as
máis altas montañas que hai debaixo do ceo.
20Cubríanas a feito, destacando por riba delas
quince cóbados.
21Todas as criaturas vivas que se moven
na terra pereceron: paxaros, gandos, feras,
réptiles e os mesmos homes. 22Morreu canto
tiña alento de vida polo nariz, todo o que hai
na terra. 23Foron exterminados todos os seres vivos, desde os homes aos gandos, desde
os réptiles aos paxaros; todo foi borrado da
terra. Quedaron soamente Noé e os que estaban con el na arca. 24A auga dominou sobre a
terra por cento cincuenta días.

na tradición mesopotámica, que ten máis dunha versión do mito do diluvio; de aí veu a Canaán. A falta de axilidade no relato da Biblia débese a que se formou de dúas versións un pouco diferentes, unha iavista (**6**, 5-8; **7**, 1-5. 7-10. 12. 16. 17. 22-23; **8**, 2-3. 6-12. 13. 20. 22) e outra sacerdotal (**6**, 9-22; **7**, 6. 11. 13-16. 18-21. 24; **8**, 1-2. 3-5. 14-19; **9**, 1-17).
**6**, 11s Aquí a tradición sacerdotal presenta de súpeto o pecado no mundo, cousa que o iavista vén facendo en cadros sucesivos desde o capítulo tres.
**6**, 16 Os pormenores non son claros, cando se trata de imaxinar como sería a arca.
**6**, 18 Esta alianza con Noé vén ser como unha graza, unha mostra de favor, pola que Deus o salva do diluvio. Despois do diluvio estenderase ao mundo enteiro e a toda a humanidade que nacerá de Noé (Xén **9**).
**7**, 4 Na versión iavista, o diluvio prodúcese por chuvia (**7**, 12); na sacerdotal, por rotura de comportas (**8**, 2).
**7**, 11 O romperse das comportas que separan as augas é un acontecemento oposto ás separacións da creación (c. **1**); a volta ao caos primeiro, cando todo estaba cuberto polas augas (**8**, 2).

### Fin do diluvio

**8** [1]Deus pensou en Noé e nos animais e
gandos que estaban con el na arca. Fixo
pasar un vento pola terra, e as augas comezaron a minguar. [2]Cerráronse as fontes do abismo e as comportas do ceo e parou de chover. [3]Pouco a pouco as augas foron deixando libre a terra, minguando sen parar, despois de cento cincuenta días. [4]O día dezasete do mes sétimo a arca pousou en riba dos montes de Ararat. [5]As augas seguiron baixando ata o décimo mes. No día primeiro dese mes víronse os cumes das montañas.

[6]Ao cabo de corenta días, Noé abriu a bufarra que deixara na arca [7]e soltou un corvo, que saíu e foi voando dun lado para outro, ata secaren as augas que cubrían a terra. [8]Despois soltou unha pomba, para ver se as augas se deran retirado. [9]Mais a pomba non atopou sitio enxoito onde pousar, porque a auga cubría a terra e volveu para a arca. Daquela, alongou Noé a man, colleuna e meteuna na arca.

[10]Noé agardou sete días, e soltou de novo a pomba fóra da arca. [11]Ao serán volveu entrar cunha folla verde de oliveira no peteiro. Noé decatouse de que a auga baixara un pouco máis. [12]Agardou outros sete días e soltou novamente a pomba. Esta xa non volveu.

[13]O día un do primeiro mes do ano seiscentos un da vida de Noé secaron as augas que cubrían a terra. Noé retirou a cuberta da arca e viu que a terra estaba enxoita. [14]O día dezasete do segundo mes a terra acabara de secar.

### Sacrificio de Noé

[15]Deus díxolle a Noé: [16]–Sae da arca cos teus fillos, a túa muller e as túas noras; [17]e fai saír tamén os animais que están contigo, os seres vivos de todas as especies, paxaros, gandos, réptiles que se arrastran polo chan, para que se reproduzan e crezan.

[18]Saíu, pois, Noé da arca, e con el seus fillos, súa muller e súas noras. [19]E saíron tamén todas as feras, todos os gandos, todos os paxaros, todos os réptiles, segundo as súas especies.

[20]Noé construíulle un altar ao Señor, colleu gandos puros e aves puras e ofreceunos en sacrificio no altar. [21]Agradoulle ao Señor o recendo e decidiu: Non maldicirei a terra outra vez por mor dos homes, por máis que a súa inclinación tenda cara ao mal desde a súa mocidade. Non ferirei outra vez a todos os seres vivos, como acabo de facer.

[22]Namentres a terra dure;
sementeira e colleita,
frío e calor,
verán e inverno,
día e noite
endexamais non faltarán.

### Alianza de Deus con Noé

**9** [1]Deus bendiciu a Noé e os seus fillos:
Crecede, reproducídevos e enchede a terra. [2]Que vos teñan respecto e medo os animais todos da terra e os paxaros do ceo. No voso poder están os réptiles todos da terra e os peixes do mar. [3]Todo o que vive e se move serviravos para mantenza. Dóuvolo todo, como vos dei os vexetais. [4]Mais non comeredes carne coa súa vida, quere dicir, co seu sangue. [5]Tamén da vosa vida –do voso sangue– pedirei eu as contas. Pedireillas a todo home da vida do seu irmán. [6]Quen mate un home, pola man de home morrerá, pois Deus fixo os homes conforme á súa imaxe. [7]Reproducídevos, crecede, espalládevos pola terra e sometédea. [8]Deus díxolle aínda a Noé e mais a seus fillos: [9]–Vou establecer a miña alianza convosco e cos vosos descendentes, [10]con todos os animais que están convosco, os paxaros, os gandos e as feras todas do monte, cantos saíron da arca e agora viven na terra. [11]Fago convosco esta alianza: Endexamais será outra vez destruída vida ningunha polas augas do diluvio; non haberá outro diluvio que estrague a terra.

**8**, 4 *O Ararat* é un monte de Armenia. Ao pousar na terra, a arca queda fóra do dominio das augas.
**8**, 13 *Da vida de Noé*, nas versións. Non se atopa no texto hebreo.
**8**, 21 O recendo que lle agrada ao Señor (cf Éx **29**, 18. 25; Núm **28**, 1). En Xén **6**, 5s a maldade dos homes trae consigo o diluvio; agora a mesma maldade obtén o perdón de Deus.
**8**, 22 Poema popular sobre o ritmo das estacións, no que se asenta a vida da terra. Deus revélase nese ritmo.
**9**, 1ss Alianza de Deus con Noé, da tradición sacerdotal. A bendición dálle ao home o poder de poboar a terra e sometela (v. 7), como no comezo (**1**, 28).
**9**, 3 Segundo o teólogo sacerdotal, o home primeiro foi vexetariano (**1**, 29); desde Noé dánselle tamén os animais por sustento.
**9**, 4-6 O precepto importante desta nova orde de alianza é para defender a vida. A vida está no sangue. Por iso o home non pode comer carne con sangue, que pertence a Deus (Lev **1**, 5; **17**, 11.14; Dt **12**, 16); moito menos verter sangue humano. Quedaría ameazado polo vingador do morto (Núm **35**, 19); pagaría co seu sangue ou coa súa vida (Xén **4**, 10; **37**, 22s. 26; Éx **20**, 13; Ez **24**, 7).
**9**, 9-11 A alianza é, no caso, promesa de non destruír, de gardar a vida no mundo. A primeira alianza da teoloxía sacerdotal é co mundo e coa humanidade (Eclo **44**, 18; Is **54**, 9s); a seguinte será con Abraham (Xén **17**) e a terceira con Moisés e co pobo de Israel no Sinaí (Éx **24**, 7s).

[12]E Deus engadiu: –Este será o sinal da alianza que eu fago convosco e con todos os seres vivos que vos fan compaña, para todos os tempos: [13]Poño o meu arco nas nubes, sinal da miña alianza entre min e a terra. [14]Cando amoree nubes sobre a terra e apareza o arco nelas, [15]lembrarei a miña alianza convosco e con todos os seres vivos e non haberá máis augas de diluvio que destrúan a vida. [16]Aparecerá o arco nas nubes e, ao velo, lembrarei a alianza perpetua entre Deus e todos os seres vivos.

[17]Deus aclaroulle a Noé: –Este é o sinal da alianza que establezo entre min e canto ten vida na terra.

### Os fillos de Noé

[18]Os fillos de Noé que saíron da arca eran Sem, Cam e Iafet. Cam era pai de Canaán. [19]Eses tres eran os fillos de Noé e con eles repoboouse a terra toda.

[20]Noé fíxose labrador e plantou unha viña. [21]Bebeu viño, embebedouse e botouse espido na súa tenda. [22]En vendo Cam, pai de Canaán, a seu pai espido, saíu a contárllelo aos outros dous irmáns. [23]Sem e Iafet colleron un mantelo, puxérono aos ombreiros e, camiñando de costas, cubriron as partes de seu pai. Como miraban cara a atrás, non o viron espido.

[24]Cando espertou Noé da bebedela e soubo o que lle fixera o fillo máis novo, dixo: [25]–Maldito Canaán! Sexa para seus irmáns o derradeiro dos escravos. [26]E engadiu: –Bendito o Señor, Deus de Sem, e que Canaán sexa o seu escravo. [27]Estenda Deus a Iafet para que more nas tendas de Sem e que Canaán sexa o seu escravo.

[28]Noé viviu, despois do diluvio, trescentos cincuenta anos. [29]Por xunto viviu Noé novecentos cincuenta anos e logo morreu.

### Táboa dos pobos

**10** [1]Estes son os descendentes dos fillos de Noé, nacidos despois do diluvio.

[2]Descendentes de Iafet: Gomer, Magog, Madai, Iaván, Tubal, Méxec e Tirás. [3]Descendentes de Gomer: Axcanaz, Rifat e Togarma. [4]Descendentes de Iaván: Eliseo, Tarxix, os Quitim e os Dodanim. [5]Deles descenden os pobos marítimos, cada un na súa terra e coa súa lingua, por familias e por nacións.

[6]Descendentes de Cam: Cux, Exipto, Put e Canaán. [7]Descendentes de Cux: Sebá, Havilah, Sabtah, Ramah e Sabtecá. Descendentes de Ramah: Xebá e Dedán. [8]Cux tivo a Nimrod, que empezou a facer valentías na terra. [9]Foi un cazador valente á vista do Señor, segundo o dito que corre: "Cazador valente á vista do Señor, coma Nimrod". [10]Empezou sendo rei de Babel, Érec, Acad e Calneh, no país de Xinar. [11]De alí emigrou para Asur e construíu Nínive, Rehobot-Ir, Calah [12]e Resen, a gran cidade entre Nínive e Calah. [13]Exipto xerou os lidios, os anamitas, os lehabitas, os naftuhitas, [14]os patrusitas, os casluhitas e os caftoritas, dos que veñen os filisteos. [15]Canaán xerou a Sidón, seu primoxénito, a Het, [16]aos iebuseos, aos amorreos, aos guirgaxitas, [17]aos hivitas, aos arquitas, aos sinitas, [18]aos arvaditas, aos semaritas e aos hamatitas. Despois os clans dos cananeos estendéronse e [19]as súas fronteiras abranguían desde Sidón, cara a Guerar, ata Gaza, incluíndo tamén Sodoma, Gomorra, Ademah-Seboim, preto de Laxa. [20]Estes foron os descendentes de Cam por clans e linguas, nas súas respectivas terras e nacións.

[21]Tamén Sem tivo descendentes; o irmán máis vello de Iafet foi o pai de todos os heberitas. [22]Descendentes de Sem: Elam, Asur, Arfaxad, Lud e Aram. [23]Descendentes de Aram: Us, Hul, Guéter e Max. [24]Arfaxad tivo a Xálah e este a Héber. [25]Héber tivo dous fi-

**9**, 12 O sinal desta alianza universal é o fenómeno natural do arco iris; o da alianza con Abraham será a circuncisión; e o da sinaítica, o sangue do sacrificio.

**9**, 18 Desde aquí segue o iavista falando dos fillos de Noé e das súas sortes. A razón de facer ver os cananeos como fillos de Cam, cando en realidade eran semitas, é a de xulgar e condenar a súa liberdade sexual e o culto á fertilidade, que escandalizou e que tentou aos hebreos. A maldición de Cam recae sobre eles.

**9**, 20s Na forza do viño revélase o novo vigor que ten a terra que saíu do diluvio, coma se non a debilitase a maldición (**3**, 17s).

**9**, 25-27 As bendicións e maldicións volven a dividir os homes, sinal para o iavista da pobre condición humana e do pecado. Bendicións e maldicións revelan sortes de persoas e de pobos (**27**, 49). Aquí adiantan a vitoria dos hebreos (fillos de Sem) sobre os cananeos (fillos de Cam). Os fillos de Iafet son aquí os filisteos que no século XIII a. C. asentaron na costa sur de Canaán, por abaixo dos fenicios.

**9**, 27 *Estenda* fai xogo co nome de Iafet, que significa dilatar ou estender.

**9**, 28s Baixo a forma dunha xenealoxía dos fillos de Noé atopamos aquí unha lista dos pobos que coñecía Israel na época da monarquía. A lista débese en parte ao iavista (vv. 1, 8-19. 21. 24-30) e en parte ao sacerdotal (o resto). Os dous contan coa unidade do xénero humano, como nos revelaran xa ao comezo. O iavista convoca con esta lista a humanidade enteira, para a poñer en acción no capítulo seguinte (en Babel); o sacerdotal quere facer ver que Deus levou a termo a promesa feita a Noé e como este se reproduciu. Os tres fillos de Noé permiten dividir a humanidade en tres grandes razas ou, mellor, grupos de pobos, entre os que hai proximidade xeográfica e relacións históricas.

**10**, 5 Desde "cada un..." completado, conforme vv. 20 e 31.

llos: o primeiro chamábase Péleg, por razón de que nos seus días se dividiu a xente da terra; seu irmán chamábase Ioctán. [26]Ioctán xerou a Almodad, a Xelef, a Haarmot, a [27]Iárah, a Hadoram, a Uzal, a Diolah, [28]a Obal, a Abimael, a Xebá, [29]a Ofir, a Havilah e a Iobab. Todos estes eran fillos de Ioctán. [30]Habitaban na montaña oriental, desde Mexá ata Sefar. [31]Estes foron os fillos de Sem, segundo as súas familias, linguas, países e nacións.

[32]Estes foron os clans dos fillos de Noé, segundo as súas liñaxes nas propias nacións; e desde elas espalláronse os pobos pola terra, despois do diluvio.

### Babel

**11** [1]Toda a terra falaba unha soa lingua e usaba as mesmas palabras. [2]Ao emigraren os homes desde o oriente, encontráronse nunha chaira, no país de Xinar, e establecéronse alí. [3]Dixéronse uns aos outros: –Imos facer ladrillos e cocelos no lume.

O ladrillo facíalles de pedra e o betume de cemento. [4]E nisto propuxeron: –Imos construír unha cidade e unha torre, que chegue co cimo ata o ceo, e fagámonos un nome soado, para non nos perder pola ancha face da terra.

[5]Baixou o Señor para ver a cidade e a torre que os homes construían, e pensou: [6]Aquí hai un pobo unido que fala a mesma lingua. Se empeza facendo isto, ninguén podería privalos desde agora de faceren o que se lles veña á cabeza. [7]Baixemos e embarullemos alí mesmo a súa lingua, de xeito que non se entendan uns cos outros.

[8]O Señor espallounos de alí por toda a terra, e deixaron de construír a cidade. [9]A esta chamóuselle Babel, porque alí embarullou o Señor a lingua de todo o mundo. Desde alí espallounos por toda a face da terra.

### Descendentes de Sem

[10]Táboa dos descendentes de Sem. Sem tiña cen anos cando xerou a Arfaxad, dous anos despois do diluvio. [11]Despois diso viviu cincocentos anos, e tivo outros fillos e fillas.

[12]Arfaxad tiña trinta e cinco anos cando xerou a Xélah. [13]Despois viviu catrocentos anos máis e tivo outros fillos e fillas.

[14]Xélah tiña trinta anos cando xerou a Héber. [15]Despois viviu catrocentos anos máis e tivo outros fillos e fillas.

[16]Héber tiña trinta e catro anos cando xerou a Péleg. [17]Despois viviu aínda catrocentos trinta anos e tivo outros fillos e fillas.

[18]Péleg tiña trinta anos cando xerou a Reú. [19]Despois viviu douscentos nove anos e tivo outros fillos e fillas.

[20]Reú tiña trinta e dous anos cando xerou a Serug. [21]Despois viviu douscentos sete anos e tivo outros fillos e fillas.

[22]Serug tiña trinta anos cando xerou a Nahor. [23]Despois viviu douscentos anos máis e tivo outros fillos e fillas.

[24]Nahor tiña vinte e nove anos cando xerou a Térah. [25]Despois viviu cento dezanove anos máis e tivo outros fillos e fillas.

[26]Térah tiña setenta anos cando xerou a Abram, a Nahor e a Harán. [27]Descendentes de Térah: Térah xerou a Abram, a Nahor e a Harán. Harán xerou a Lot. [28]Harán morreu en vida de seu pai, na súa terra de nacemento, en Ur dos caldeos.

[29]Abram e Nahor casaron. A muller de Abram chamábase Sarai e a de Nahor, Milcah, filla de Harán, o pai de Milcah e de Iscah. [30]Sarai era estéril e non tiña fillos.

[31]Térah colleu a seu fillo Abram, ao seu neto Lot, fillo de Harán, e a súa nora Sarai, muller de seu fillo Abram, e saíu con eles de

**11** Este é o derradeiro dos cadros nos que o iavista vén pintando a condición humana, desde Xén **3**. Aquí trátase dun feito de titanismo humano como no caso adamita; os pobos todos son protagonistas. O relato constrúese sobre o dato da diversidade de linguas, da imaxe dun cigurat e da etimoloxía de Babel. Dá unha explicación negativa da presenza humana por todo o mundo. Deberíase á confusión e á dispersión dos que quixeron facerse un nome, conquistando o ceo. Quedaron moi lonxe de conseguilo, cando Deus tivo que baixar para se informar do que estaban facendo os homes. En Feit **2**, 5-11 enténdese Pentecoste como réplica de Babel.
**11**, 1 Unha imaxe ideal: os homes falaban unha lingua e nela entendíanse. A humanidade está aflixida pola realidade oposta.
**11**, 2 *Xinar* é Babilonia (**10**, 10), onde os hebreos imaxinan que empezou a vivir o home; de alí viñeron seus pais.
**11**, 3s Coma no caso dos cainitas (**4**, 17ss), o autor do relato non esconde a súa admiración pola cultura, ao tempo que pon en claro a ambigüidade desta. A torre está pensada conforme a un cigurat, templos de Mesopotamia que había xa en ruínas nos días do autor. Isto torce o sentido do templo, para facelo falar da ambición humana de conquistar o ceo (Xer **51**, 53).
**11**, 7 Entende a diversidade de linguas como expresión de desharmonía e como pena do titanismo: na dispersión a humanidade perde a forza.
**11**, 9 *Babel*, de Bab-ilu, porta de Deus, faise proceder aquí da raíz "balal", embarullar.
**11**, 10ss Xenealoxía dos Semitas, conforme á versión sacerdotal; enlaza coa lista dos patriarcas antediluvianos de Xén **5**, e explica, ao seu xeito, a multiplicación da humanidade, sen a imaxe negativa de Babel. O río da vida vai medrando, ata chegar a Abraham; a súa muller era estéril (v. 30). Aí comeza Deus a crear o pobo de Abraham.
**11**, 28-30 Da versión iavista.
**11**, 31 O movemento desde Ur, na baixa Mesopotamia, non se proba polas migracións dos Arameos; pero si o movemento de Harán para Canaán.

Ur dos Caldeos, para dirixirse ao país de Canaán. Chegados a Harán, establecéronse alí.
32Térah viviu douscentos cinco anos e morreu en Harán.

## ABRAHAM

### Vocación de Abraham

**12** 1O Señor díxolle a Abram: –Vaite da túa terra, da túa patria, do teu clan, á terra que eu che mostrarei. 2Eu farei de ti un pobo grande, bendicireite e dareiche un nome soado, que será exemplo de bendición. 3Bendicirei a quen te bendiga, maldicirei a quen te maldiga. Os pobos todos da terra chamaranse benditos no teu nome.

4Abram púxose ao camiño, conforme lle dixera o Señor; e con el foi Lot. Abram tiña setenta e cinco anos cando saíu de Harán. 5Levaba consigo a Sarai, súa muller, ao seu sobriño Lot e todas as posesións e mais os criados que adquirira en Harán. Saíron na dirección do país de Canaán e chegaron alá. 6Abram percorreu o país ata o lugar santo de Xequem e a aciñeira de Moré. Daquela habitaban no país os cananeos. 7O Señor aparecéuselle a Abram para dicirlle: –Aos teus descendentes dareilles esta terra.

Abram erixiu alí mesmo un altar ao Señor que se lle aparecera. 8Logo seguiu pola montaña, ao oriente de Betel, e plantou a súa tenda entre Betel ao poñente e Ai ao nacente. Alí construíu un altar ao Señor e invocouno polo nome. 9Despois seguiu por xornadas o camiño cara ao sur.

### Abraham en Exipto

10Houbo fame no país e Abram baixou a Exipto, coa idea de quedar alí, mentres a fame seguise apertando.

11Cando xa estaban chegando a Exipto, Abram díxolle a Sarai, súa muller: –Estou pensando na túa fermosura. 12Os exipcios, en véndote, dirán: "É a súa muller". Entón a min mataranme e a ti gardarante viva. 13Dilles que es miña irmá, para que por mor de ti me traten a min ben e grazas a ti salve a vida.

14Cando Abram chegou a Exipto, os exipcios repararon en que a súa muller era moi bela. 15Vírona tamén os cortesáns e gabáronlla ao faraón, de xeito que a muller foi levada ao palacio. 16A Abram foille ben por conta dela. Adquiriu rabaños, gandos, burros, servos, servas, asnas e camelos. 17Mais o Señor inflixiulles ao faraón e á súa corte grandes pragas, por causa de Sarai, muller de Abram. 18Entón chamou o faraón a Abram para lle dicir: –Que fixeches comigo? Por que non me aclaraches que era a túa muller? 19Por que me dixeches que era túa irmá, deixándome que a tomase por muller? Agora aí tes a túa muller. Cóllea e vaite.

20E o faraón deu ordes aos seus homes para que despedisen a Abram coa muller e con todo o que tiña.

### Abraham e Lot

**13** 1Abram subiu de Exipto cara ao Négueb, coa muller e coas súas posesións, e levando consigo a Lot. 2Abram era moi rico en gandos, en prata e en ouro. 3Desde o Négueb seguiu por treitos camiño de Betel, onde fixera en tempos a súa tenda, entre Betel e Ai.

A atención concéntrase agora outra vez nunha persoa, para falar mediante ela dun pobo, como antes no home do xardín, para falar da humanidade. Abraham non sae do seo da humanidade dispersa para se facer alleo a ela, senón para volver a ela traendo consigo a bendición. A elección do pobo de Abraham encontra niso a súa razón. A teoloxía do pobo de Deus no iavista ten aquí a súa clave. A humanidade maldita adquirirá de novo a bendición, pola mediación dun pobo.

**12**, 1 O que Abraham ten que deixar díselle pouco a pouco. Deixa as súas seguridades, pola seguridade de que Deus lle mostrará cousa mellor.

**12**, 1-2 Na promesa de Deus a Abraham hai tres capítulos: terra, familia numerosa e bendición. Deus ofrécelle a Abraham un nome, unha grandeza, que o home adamita e o home babélico teimaban adquirir pola súa propia forza.

**12**, 3 O termo "bendición" empézase a repetir, como para deter a maldición que ía vencendo. Os pobos terán bendición ou maldición, conforme ao seu comportamento e actitude diante de Abraham, sinal do home que Deus bendí. Iso mesmo é o que di Simeón sobre Xesús (Lc **2**, 34). "Chamarse bendito", felicitarse de ser coma el (Xén **18**, 18; **22**, 18; **26**, 4; **28**, 14) ou ter en Abraham bendición para un mesmo (Eclo **44**, 21).

**12**, 6-9 Comézase a desenvolver a promesa da terra (**13**, 14-18; **15**, 18; **17**, 8). Os camiños de Abraham desde Xequem (**33**, 18-20) ata o Négueb son toma de posesión adiantada e simbólica. Polo momento os cananeos aférranse ao país. Pero Deus queda gardando a terra por onde pasa o patriarca, no altar que este lle levanta.

**12**, 10ss Nesta viaxe Abraham adiántase ao seu pobo. Un e o outro veranse alí en perigo, mais Deus axudaraos. O narrador quere afirmar a beleza de Sara, a sabedoría de Abraham e a providencia de Deus cos pais do pobo. O episodio repítese dúas veces noutra xeografía, en Guerar, unha vez cos mesmos protagonistas (c. **20**) e outra con Isaac e súa muller (**26**, 1-11).

**12**, 13 *Irmá* é collido máis en serio polo elohista, que quere arredar de Abraham calquera sospeita de mentira (**20**, 12). O capítulo da promesa que se refire á terra adiántase nesta imaxe de enriquecemento. Abraham e Lot repártense a terra, como se fose xa a súa posesión. Abraham percórrea cos ollos, en posesión simbólica.

4Era o mesmo lugar onde construíra anteriormente un altar e invocara o nome do Señor.
5Lot ía con Abram e era tamén rico en rabaños, en gandos e en tendas. 6A terra onde estaban non chegaba para habitaren xuntos. A moita facenda xa non llelo consentía, 7de xeito que xurdían agarradas entre os pastores de Abram e os de Lot. Daquela habitaban no país os cananeos e os pericitas. 8Abram díxolle entón a Lot: –Que non haxa liortas entre nós e entre os nosos pastores, pois nós somos irmáns. 9Tes diante de ti o país enteiro; sepárate de min. Se ti colles á esquerda, eu collerei á dereita; se ti á dereita, eu á esquerda.
10Lot levantou os ollos e reparou na veiga do Xordán, toda ela regada (isto era antes de que Deus destruíse Sodoma e Gomorra). Ata chegar a Soar era o mesmo ca un xardín do Señor, coma a terra de Exipto. 11Lot escolleu para si a veiga do Xordán e dirixiuse cara ao oriente, separándose de Abram. 12Abram asentou en Canaán e Lot nas cidades da veiga do Xordán, chegando coa tenda a Sodoma. 13As xentes de Sodoma eran ruíns e moi pecadoras á vista do Señor.

### A terra prometida

14Despois de que Lot se separou del, o Señor díxolle a Abram: –Desde o lugar onde estás ergue os ollos e mira cara ao norte e cara ao sur, cara ao nacente e cara ao poñente. 15A terra toda que ves dareicha a ti e aos teus descendentes para sempre. 16Multiplicarei os teus descendentes coma o po. Se alguén contase o po, poderíaos contar a eles. 17Anda, percorre a terra ao longo e ao ancho, pois voucha dar para ti.
18Abram levantou a tenda e foise establecer na carballeira de Mambré, onda Hebrón. Alí construíu un altar ao Señor.

### Invasión dos reis de oriente

**14** 1Amrafel rei de Xinar, Arioc rei de Elasar, Codorlaomer rei de Elam e Tidal rei de Goim 2emprenderon guerra contra Bera rei de Sodoma, Birxá rei de Gomorra, Xinab rei de Ademah, Xeméber rei de Seboim e o rei de Bela que é Soar. 3Os últimos xuntáronse no val de Sidim que é o mar Morto. 4Levaban doce anos pagando tributo a Codorlaomer, pero no décimo terceiro rebeláronse.
5O ano décimo cuarto veu Codorlaomer cos reis aliados seus e derrotaron aos refaítas en Axterot Carnaim, aos zuritas en Ham, aos emitas no val de Quiriataim 6e aos hurritas nos montes de Seir, ata El-Parán, á beira do deserto. 7Logo deron volta e chegaron a Ein-Mixpat, que é Cadex, e arrasaron aos amalecitas en todo o seu territorio e aos amorreos que habitaban en Hasesón-Tamar.
8Entón saíron os reis de Sodoma, de Gomorra, de Ademah, de Seboim e de Bela, que é Soar, e presentaron batalla no val de Sidim 9contra Codorlaomer rei de Elam, Tidal rei de Goim, Amrafel rei de Xinar e Arioc rei de Elasar. Catro reis contra cinco.
10O val está cheo de pozos de betume. Os reis de Sodoma e de Gomorra caeron neles e os outros fuxiron á montaña. 11Os inimigos repañaron os bens e as provisións todas de Sodoma e de Gomorra e fóronse con elas. 12Ao marcharen, levaron tamén consigo a Lot, sobriño de Abram, que habitaba en Sodoma, e as súas posesións.

### Abraham envolto na loita

13Chegou un fuxitivo e contoulle todo a Abram o hebreo, que habitaba na carballeira de Mambré o amorreo, parente de Excol e de Aner, aliados de Abram. 14Cando este oíu que seu sobriño estaba preso, mobilizou trescen-

**13**, 6s De liortas entre pastores sabe moito este libro, que trata de xentes seminómades (Xén **21**, 25; **26**, 30). Neste caso dan razón de por que o pobo de Abraham e os pobos parentes, que veñen tamén da súa familia polo seu sobriño Lot, viven separados uns dos outros.
**13**, 10 A veiga do Xordán é pintada aquí como un paraíso. Faise notar que é o home Lot quen a elixe, e non Deus. O dato da maldade prepara o que contará Xén **18-19**.
**13**, 14 Agora advírtese que é Deus quen elixe para Abraham a terra que ha ser súa. Toma posesión dela coa vista, como máis tarde Moisés (Dt **34**, 2-4).
**13**, 18 *Mambré*, onda Hebrón, é o verdadeiro centro do clan de Abraham (Xén **14**, 13; **18**, 1; **23**, 17).
**14** Este capítulo, independente das tres tradicións do Pentateuco, parece que quixese situar a Abraham na historia xeral do seu tempo, presentándoo envolto nunha guerra entre unha coalición de reis dos pobos do arredor contra outra de reis de Canaán. Os nomes dos reis non son estraños na onomástica do tempo; pero esa guerra non se comproba por ningunha outra fonte verdadeira nin case que verosímil. Pode que garde algún recordo das migracións dos arameos de Mesopotamia a Canaán. Abraham ten ocasión de se mostrar valente e xeneroso, e tamén de se pór en relación con Salem/Xerusalén (Sal **76**, 3).
**14**, 2 Os cinco reis cananeos reinan en cinco cidades ao sur do que hoxe é o mar Morto. Non se producira aínda a catástrofe de Sodoma (Xén **19**, 1ss). O relato non dá de si para rexistralo como histórico.
**14**, 5-7 Os nomes dos vencidos non teñen agora que ver cos cinco reis rebeldes; son nomes de pobos primitivos do país (Dt **2**, 10-12).
**14**, 12 O dato de que Lot caera preso, xustifica a intervención de Abraham.

tos dezaoito dos seus criados adestrados, nacidos na súa casa, e perseguiu os inimigos ata Dan. 15Dispuxo contra eles os seus homes, e de noite botouse enriba deles e mallounos. Logo perseguiunos ata Hoba, ao norte de Damasco 16e recobrou todos os bens, e tamén a Lot seu sobriño, coas súas posesións, as súas mulleres e toda a súa xente.

**Abraham e Melquisedec**

17Cando Abram tornaba de derrotar a Codorlaomer e aos seus aliados, saíu ao seu encontro o rei de Sodoma, no val de Xaveh, que é o val do rei.

18Melquisedec, rei de Salem, sacerdote do Deus Altísimo, sacou pan e viño 19e bendiciu a Abram con estas palabras:

–Bendito sexa Abram polo Deus Altísimo, que fixo ceo e terra.

20Bendito sexa o Deus Altísimo,
que puxo os teus inimigos na túa man.

Abram deulle a Melquisedec o décimo de toda a súa presa. 21O rei de Sodoma díxolle a Abram: –Dáme os homes e garda para ti as posesións.

22Pero Abram respondeulle: –Xuro polo Señor, o Deus Altísimo, que fixo ceo e terra, 23que non collerei nada teu, nin un fío nin o amalló dunha sandalia, para que non poidas dicir: "Enriquecín a Abram". 24Poñéndome a min fóra da conta, soamente acepto o que comeron os meus servos e o que lles corresponde aos que me acompañaron, Aner, Excol e Mambré. Eles, que collan o que é seu.

**Alianza de Abraham**

**15** 1Despois disto Abram oíu en visión a palabra do Señor: –Non teñas medo, Abram. Eu son para ti un escudo. O teu pago será moi grande.

2Abram preguntou: –Señor e dono meu, que me darás, se vou morrer sen fillos e o damasceno Eliézer será o meu herdeiro? 3E insistiu: –Mira que non me deches descendencia e que un criado da casa será o meu herdeiro.

4O Señor respondeulle: –Non será ese o teu herdeiro. Será un fillo teu.

5Logo levouno fóra e prometeulle: –Olla cara ao ceo e conta as estrelas, se é que podes. Así terás de descendentes.

6Abram creu ao Señor, que llo tivo en conta para a xustificación.

7Despois díxolle o Señor: –Eu son o Señor, que te sacou de Ur dos Caldeos, para che dar en herdo esta terra.

8Abram preguntou: –Señor e dono meu, como saberei que será miña?

9O Señor respondeu: –Tráeme unha becerra, unha cabra e un carneiro, todos eles de tres anos e mais unha rula e unha pomba.

10Abram trouxo todo, partiu os animais polo medio e puxo unha metade fronte á outra; pero as aves non as partiu. 11Os voitres descendían á carnada e Abram espantábaos.

12Cando o sol estaba para se pór, apoderouse de Abram un sono profundo e invadiuno unha escura ansiedade. 13Entón díxolle o Señor: –Saberás que os teus descendentes terán que estar coma forasteiros nunha terra allea e que os escravizarán e os oprimirán por catrocentos anos. 14Pero has de saber tamén que eu castigarei o pobo que os escravice e despois eles sairán con moitos bens. 15Ti irás xuntarte en paz con teus pais; serás enterrado ao cabo dunha boa vellez. 16Despois de catro xeracións volverán eles aquí, pois aínda non chegou ao seu cúmulo a maldade dos amorreos.

17Cando se puxo o sol e se fixo noite pecha, Abram viu pasar entre os membros dos

**14**, 18-20 O inciso de Melquisedec rompe o relato do encontro de Abraham co rei de Sodoma (vv 17, 21). O nome de Melquisedec cadra ben co dos reis de Xerusalén (Xos **10**, 1). Era rei e sacerdote de Elión, o Deus Altísimo, título aquí xa entendido como epíteto de Iavé. Ofrecer pan e viño é agasallo de hospitalidade para o que chega da guerra. A persoa e mais a acción do sacerdote adquiren unha importancia que non tiñan, cando o autor de Heb **7** o considera como figura de Cristo, pasando por unha mención que fai del o Sal **110**, 4.

**15** Aquí comeza a asomar a tradición elohista; pero a iavista sobrepónselle. O tema do capítulo é a promesa de Deus a Abraham, agora confirmada por un rito, que vale por xuramento e que se chama aquí mesmo alianza.

**15**, 2 Desde "e o damasceno...", reconstrución aproximada.

**15**, 5 A imaxe das estrelas e a das areas do mar son moitas veces chamadas a falar do pobo grande, prometido a Abraham.

**15**, 6 *Crer*, confiar, é a actitude de Abraham, desde que saíu da súa terra. *Ter en conta*, contar no seu favor, considerar como principio de xustiza (Dt **24**, 13). Paulo comenta a expresión para falar da xustificación pola fe (Rm **4**, 3; Gál **3**, 6). O texto non mostra intención de contrapor a fe coas obras (St **2**, 23) como pasou na polémica entre os protestantes e os católicos.

**15**, 12 O sono profundo arreda todo da atención de Abraham, para, dese xeito, decatarse do sentido do que pasa, como en **2**, 21ss.

**15**, 13-16 Paréntese engadida, para falar da sorte dos descendentes de Abraham no longo tempo que separa a promesa da posesión da terra.

**15**, 16 O rito de partir os animais polo medio é un rito imprecatorio, un xuramento (Xer **34**, 18). O home é o sinal de Deus para o iavista (Éx **3**, 2; **13**, 21; **19**, 18); o paso do home revélalle ao patriarca que Deus se compromete co que dixo.

animais tallados un fume coma de forno e un facho de lume. [18]Aquel día fixo o Señor con Abram esta alianza: –Aos teus descendentes dareilles esta terra, desde o torrente de Exipto ata o gran río Éufrates, [19]as terras dos quenitas, dos quenicitas, dos cadmoneos, [20]dos hititas, dos pericitas, dos refaítas, [21]dos amorreos, dos cananeos, dos guigarxitas e dos iebuseos.

### Hagar e Ismael

**16** [1]Sarai, muller de Abram, non podía ter fillos. Pero tiña unha serva exipcia, Hagar de nome, [2]e díxolle a Abram: –Xa ves que o Señor non me deixa ter fillos. Achégate á miña serva, a ver se por ela teño un fillo.

Abram fixo caso da proposta de Sarai. [3]Aos dez anos de habitaren en Canaán, Sarai, muller de Abram, colleu a súa serva exipcia Hagar e deulla como muller ao seu home Abram. [4]Abram achegouse a Hagar e esta quedou embarazada. Ao ver que concibira, perdeulle o respecto á súa ama. [5]Entón díxolle Sarai a Abram: –Esta inxuria recae sobre ti. Puxen a serva nos teus brazos e, embarazada, pérdeme o respecto. Que xulgue o Señor entre nós os dou.

[6]Abram respondeulle a Sarai: –Tes a túa serva nas túas mans. Fai con ela o que che pareza.

Entón Sarai maltratábaa, e ela escapou da casa. [7]Encontrouna o anxo do Señor onda unha fonte no deserto, a que está no camiño do Sur, [8]e díxolle: –Hagar, serva de Sarai, de onde vés e para onde vas?

E ela respondeu: –Estou fuxindo de Sarai, a miña ama.

[9]O anxo mandoulle entón: –Volve onda a túa señora e sométete á súa autoridade. [10]E engadiu: –Dareiche tantos descendentes, que non se poderán contar. [11]E díxolle aínda: –Ves que estás embarazada. Terás un fillo e chamaraslle Ismael, xa que o Señor escoitou a túa aflición. [12]Será un onagro entre os homes. A súa man erguerase contra todos e a man de todos contra el; habitará á parte, fronte a todos os irmáns.

[13]Hagar púxolle un nome ao Señor que lle falara, "Ti es o Deus da miña visión". Pois razoaba para si: Non vin eu tamén aquí a quen me ve? [14]Por iso chámase aquel pozo "pozo de Lahai-Roí". Está entre Cadex e Bered.

[15]Hagar deulle a Abram o fillo que concibira e este púxolle o nome de Ismael. [16]Abram tiña oitenta e seis anos cando Hagar lle deu a Ismael.

### Alianza de Deus con Abraham

**17** [1]Abram tiña noventa e nove anos, cando se lle apareceu o Señor para lle dicir: –Eu son o Deus Xadai. Camiña de acordo comigo e sé perfecto. [2]Eu establezo entre nós os dous unha alianza. Fareite crecer moito.

[3]Abram prostrouse por terra e Deus díxolle: [4]–Esta é a alianza que eu fago contigo:

**15**, 18 A alianza refírese aquí á promesa da terra; ao comezo do capítulo falábase do fillo de Abraham.

**16**, 1 O iavista volve agora sobre o tema do descendente; algúns dos datos pertencen á tradición sacerdotal. O episodio de Hagar ten un duplicado en **21**, 8-21, con variantes que o xustifican. O fillo da serva non adianta o cumprimento da promesa do fillo; soamente produce un suspense. Conforme ás leis mesopotámicas, que rexen tamén en Canaán, unha muller estéril podíalle dar ao home a súa escrava por muller; dese xeito tiña fillos por medio da escrava; iso farán Raquel e Lea no seu día (**30**, 1-13). Pero Hagar garda o seu fillo para si e non llo dá á súa señora. O drama rómpese cando se aclara que o fillo prometido a Abraham será un fillo de Sara. Con iso queda aberta outra vez a pregunta polo descendente. A solución legal non serve. Paulo contrapón as dúas mulleres e as dúas maternidades (Gál **4**, 22).

**16**, 2 A esterilidade das mulleres dos patriarcas é un dato convencional, para afirmar que Deus é o creador do pobo de Abraham: El é quen dá a fecundidade (Xén **11**, 30; **25**, 21; **29**, 31).

**16**, 7 *O anxo do Señor* é o Señor mesmo, un sinal seu. Dándolle a volta, todo sinal do Deus que se revela é un anxo de Deus (**21**, 17; **22**, 11; Éx **3**, 2; **14**, 19; **23**, 20).

**16**, 11 O nome *Ismael* significa "Deus escoita".

**16**, 12 Ao tempo que da persoa, fálase aquí dos descendentes de Ismael, os árabes do deserto, como burros salvaxes (Xob **39**, 5-8). Esta persoa co seu pobo quédase á beira da historia do pobo de Abraham, pero non lonxe da man de Deus.

**16**, 13s Lenda etiolóxica do nome dun pozo, que pertenceu ao clan de Isaac (**24**, 62; **25**, 11). *Lahai-Roí*, "o que vive e me ve".

Versión sacerdotal da alianza de Deus con Abraham. Como na versión iavista (c. **15**), Deus asegúralle ao patriarca descendencia e terra onde habitar. Agora atopamos unha linguaxe máis teolóxica e menos humanista. Como sinal da alianza, Deus esixe de Abraham e de seus fillos o rito da circuncisión. Esta será, co tempo, un principio de identificación do pobo escollido, ou un rito de entrada nel.

**17**, 1 *Deus Xadai*. "Deus Xaddai" ou "El-Xaddai" é nome divino corrente na era patriarcal (**28**, 3; **35**, 11); a versión sacerdotal manteno en uso ata a revelación do nome Iavé a Moisés (Éx **6**, 3). A súa significación non é segura; quizais "Deus podente", "Deus da montaña" ou "Deus do campo".

**17**, 3 Se na versión iavista (c. **15**) Abraham toma a dianteira para falar con Deus, suplica e fai outras accións, aquí soamente "adora". Deus é o suxeito de toda a iniciativa e de todas as accións.

Serás pai de moitos pobos. [5]Non te seguirás
chamando Abram; o teu nome será Abra-
ham, porque te fago pai de moitos pobos.
[6]Dareiche fecundidade, sacarei de ti nacións,
de ti sairán reis. [7]Establezo a miña alianza,
alianza perpetua, contigo e cos teus descen-
dentes, polas xeracións vindeiras. Eu serei o
teu Deus e o dos teus descendentes. [8]Darei-
che a ti e a eles, en posesión perpetua, a terra
onde habitas, o país de Canaán. Eu serei o
teu Deus.

**A circuncisión**

[9]Deus díxolle a Abraham: –Gardarás a
miña alianza, ti e mais os teus descendentes,
polas xeracións vindeiras. [10]Esta é a alianza
que eu fago contigo e cos teus descendentes,
e que habedes de gardar: [11]Circuncidade a pel
do prepucio, en sinal de alianza entre nós.
[12]Aos oito días de nacer, circuncidade todos
os homes, unha xeración tras outra, o mesmo
os nacidos na casa, coma os forasteiros ad-
quiridos por diñeiro, que non son descenden-
tes teus. [13]Circuncidade os nacidos na casa
e os adquiridos por diñeiro e a miña alianza
estará no voso corpo como alianza perpetua.
[14]O home non circuncidado, coa pel do pre-
pucio sen cortar, será el cortado do seu pobo,
pois viola a miña alianza.

**Un fillo de Sara**

[15]O Señor díxolle a Abraham: –A túa mu-
ller non seguirá chamándose Sarai. O seu
nome é Sara. [16]Bendicireina e dareiche un
fillo dela; bendicireina e será nai de nacións,
nacerán dela reis de pobos.

[17]Abraham prostrouse por terra e sorriu,
pensando para si: Un home de cen anos terá
un fillo e Sara aos seus noventa parirá! [18]E
suplicoulle a Deus: –Oxalá deixes vivir a Is-
mael!

[19]Deus respondeulle: –Non; Sara, a túa
muller, darache un fillo, e poraslle o nome de
Isaac. Con el e cos seus descendentes vindei-
ros establezo unha alianza, alianza perpetua.
[20]En canto a Ismael, tamén te escoitarei. Ben-
dicireino, dareille fecundidade e fareino cre-
cer moito. Xerará doce príncipes e conver-
tereino nun gran pobo. [21]Pero a miña alianza
estableceréina con Isaac, o fillo que che dará
Sara de hoxe nun ano.

[22]En acabando de falar, Deus foise de onda
Abraham. [23]Abraham colleu o seu fillo Is-
mael, os servos todos nacidos na súa casa e
os adquiridos por diñeiro, todo home da súa
casa, e circuncidou ese mesmo día a pel dos
seus prepucios, conforme Deus lle mandara.

[24]Abraham tiña noventa e nove anos cando
circuncidou a pel do seu prepucio [25]e Ismael
tiña trece. [26]No mesmo día circuncidouse
Abraham e seu fillo Ismael. [27]Con eles cir-
cuncidáronse tamén todos os homes da súa
casa, o mesmo os nacidos nela coma os ad-
quiridos por diñeiro.

**Teofanía en Mambré**

**18** [1]O Señor apareceuse na carballeira de
Mambré a Abraham, estando este sen-
tado á entrada da súa tenda, nas horas da ca-
lor.

[2]Abraham ergueu os ollos e viu tres homes
de pé diante del. En véndoos, correu ao seu
encontro, desde a entrada da tenda, e pros-
trouse, [3]dicindo: –Meu Señor, se merezo o
teu favor, non pases sen te deteres onda o teu
servo. [4]Farei traer unha pouca auga, bañare-
des os pés e descansaredes baixo a árbore.
[5]Coa mesma e xa que pasades por onda o
voso servo, traerei un anaco de pan. Repa-
raredes con el as forzas, para logo seguirdes
camiño.

Responderon eles: –Está ben. Fai como
dis.

[6]Abraham correu á tenda onda Sara, para
lle dicir: –Trae tres cuncas de flor de fariña,
axiña: amásaa, e prepara unha bica.

**17**, 5 As dúas formas do nome do patriarca recollen diferenzas dialectais do mesmo nome, que significa, "de pai grande, de liñaxe nobre". O autor sacerdotal fúndase na asonancia entre a forma máis longa e "ab-hamón", "pai de multitude", para meter no mesmo nome do patriarca a promesa e pór dese xeito o patriarca en función dos descendentes (Rm **4**, 17).

**17**, 10s A circuncisión é un rito antigo, practicado tamén por outros pobos como rito de puberdade (**34**, 14s; Éx **4**, 24ss). Para Israel adquire no desterro o significado de sinal de ser ou non ser do pobo, de estar ou non na alianza (1 Mac **1**, 6s).

**17**, 15 Tamén o nome de *Sarai* se cambia en Sara, outra vez dúas variantes dun nome. O cambio leva consigo outro sinal: de estéril que era, virá ser nai de reis. Tamén ela é vista aquí en función do seu pobo.

**17**, 17 O riso de Abraham, como logo o de Sara (**18**, 12) e despois o de Ismael (**21**, 9), expresa varios sentimentos, como ledicia, sorpresa, e mesmo incredulidade, sentimentos que acompañan o nacemento de Isaac e que lle dan o nome: "Deus sorrí, móstrase benévolo".

**17**, 20 Ismael é o pai doutro pobo de Deus (**16**, 11s; **21**, 18; **25**, 13-16).

**18**, 1ss Aquí trata o iavista o tema do nacemento de Isaac, que xa atopamos na tradición sacerdotal (**17**, 15ss). Un neno, que será acollido como un don de Deus, é prometido por tres "homes", que se confunden con tres anxos e mesmo con Iavé. Abraham "hospedou anxos, sen sabelo" (Heb **13**, 2).

[7]E el foi correndo ao cortello, colleu o vitelo máis tenro e mellor e deullo a un criado, para que o guisase ao momento. [8]Despois, co vitelo guisado, colleu manteiga e leite e servíullelos. Mentres eles comían, el estaba ao seu lado baixo a árbore. [9]Nisto eles preguntáronlle: –Onde está Sara, túa muller?

El respondeu: –Aí dentro, na tenda.

[10]E un deles engadiu: –Volverei verte para o ano e entón Sara, a túa muller, terá un fillo.

Sara oíu o que dicía, detrás da entrada da tenda. [11]Abraham e Sara eran vellos, moi entrados en anos e ela xa deixara de ter a regra das mulleres. [12]Sara riu ás escondidas, de pensar: Despois que estou acabada e o meu home vello, coñecerei aínda o pracer?

[13]Mais o Señor díxolle a Abraham: –Por que ri Sara, dicindo: Será certo que vou ter un fillo aos meus anos? [14]Hai cousa que non poida o Señor? De hoxe nun ano, cando eu volva, Sara terá un fillo.

[15]A Sara estáballe entrando medo e negou: –Non rin.

Pero el insistiu: –Non o negues: ti riches.

### Intercesión por Sodoma

[16]Os homes erguéronse de alí e ollaron cara a Sodoma. Abraham acompañábaos para lles dar a despedida. [17]O Señor dixo para si: Voulle esconder a Abraham o que penso facer?

[18]Abraham converterase nun pobo grande e podente e nel veranse benditas todas as nacións da terra. [19]Escollino para que lles mande a seus fillos, a toda a súa casa e aos seus descendentes mantérense nos camiños do Señor, obrando con rectitude e con xustiza, de xeito que o Señor lle outorgue a Abraham o que lle prometeu.

[20]O Señor seguiu dicindo: –O clamor contra Sodoma e Gomorra é moi grande; o seu pecado é grave. [21]Vou baixar e ver se este clamor que chega onda min corresponde cos feitos; e se non, sabereino.

[22]Os homes dirixíronse desde alí cara a Sodoma, pero Abraham quedou diante do Señor.

[23]Abraham adiantouse cara ao Señor e preguntoulle: –Por caso aniquilarías os inocentes cos culpables? [24]Se houbese cincuenta xustos na cidade, aniquilaríalos tamén, e non perdoarías o lugar por mor dos cincuenta xustos que houber nel? [25]Lonxe de ti facer tal cousa! Matas o inocente co culpado e que teñan os dous a mesma sorte. Lonxe de ti! O que xulga a terra enteira, non vai facer xustiza?

[26]O Señor respondeu: –Se houbese cincuenta xustos en Sodoma, perdoaría a toda a cidade por mor deles.

[27]Abraham insistiu: –Perdoa o atrevemento de lle falar ao meu Señor, sendo eu po e cinsa. [28]Se para cincuenta xustos faltan cinco, aniquilarías por culpa dos cinco toda a cidade?

Respondeu o Señor: –Non a destruirei, se atopo corenta e cinco.

[29]Abraham insinuou: –Se cadra, hai corenta.

El respondeu: –Non o farei, en vista dos corenta.

[30]Abraham dixo: –Que non se enfade o meu Señor, se volvo falar aínda. E se houbese trinta?

El respondeu: –Non o farei, se atopo trinta.

[31]Abraham teimou aínda: –Voume atrever a lle falar outra vez ao meu Señor. Podería ser que houbese vinte.

Respondeu o Señor: –Non a destruirei en graza aos vinte.

[32]Abraham dixo: –Que non se alporice o meu Señor e falarei aínda unha vez. E se houbese dez?

El respondeu: –Non a destruirei por mor dos dez.

[33]Desque acabou de falar con Abraham, o Señor retirouse e Abraham volveu ao seu lugar.

### Corrupción de Sodoma

**19** [1]Os dous anxos chegaron pola tarde a Sodoma. Estaba Lot sentado á porta da cidade e, en véndoos, ergueuse para ir ao seu encontro, e saudounos, prostrándose por

**18**, 12 A risa de Sara confesa a imposibilidade de ter fillos pola súa propia forza: Abraham e Sara eran vellos (**17**, 17; **21**, 6) e, por parte, ela estéril (**11**, 30).

**18**, 16 Neste punto vincúlase o tema do nacemento de Isaac coa lenda de Sodoma: os mesmos mensaxeiros despídense de Abraham e van ver as cidades onde habita Lot.

**18**, 22 Desdobramento dos mensaxeiros en homes que van cara a Sodoma (**19**, 1 di que son anxos), e Iavé, que queda onda Abraham.

**18**, 23 Abraham intercede por Sodoma ameazada, como Moisés ou os profetas polo seu propio pobo. Deus avense a un diálogo, que ten a forma dun trato. Abraham razoa que Deus non sería xusto se aniquilase algúns homes rectos que puidese haber en Sodoma, xunto cos pecadores. Aqueles deberían decidir a sorte destes, e non do outro xeito. A xustiza de Deus faría xustos aos que non o son. Pero Abraham non regatea ata máis abaixo de dez xustos, e non había dez. Noutros casos dirán os profetas que a solidariedade dun xusto chegaría para salvar todo un pobo (Is **53**; Xer **5**, 1; Ez **22**, 30).

**19** Sodoma representa o Canaán pecador e o xuízo de Deus contra el. As xentes todas de Sodoma violan a hospitalidade que os forasteiros recibiran onda Lot, o

terra. [2]Díxolles Lot: –Pídovos, meus señores, que veñades á casa do voso servidor, para pasar a noite nela. Lavaredes os pés e, de mañá, seguiredes camiño.

Responderon eles: –Non. Durmiremos na praza.

[3]Pero Lot porfioulles tanto, que o seguiron e entraron na súa casa. El preparoulles comida, coceu pan, e eles cearon. [4]Aínda non se deitaran, cando os homes de Sodoma, desde os rapaces aos vellos, toda a cidade a feito, rodearon a casa [5]e chamaban por Lot, preguntando: –Onde están os homes que entraron na túa casa esta noite? Sácanolos fóra. Queremos achegarnos a eles.

[6]Pechando a porta tras de si, Lot saíu fóra, e faloulles: [7]–Pídovos, irmáns, que non fagades este mal. [8]Mirade, teño dúas fillas, que non se xuntaron aínda con ningún home. Daréivolas e facede con elas o que vos pareza ben. Pero non lles fagades nada a estes homes, que se acolleron á sombra do meu teito.

[9]Responderon eles: –Arreda de aí! Este que veu de fóra, pretende ser o noso xuíz. Agora tratarémoste a ti peor ca a eles.

Arremeteron contra Lot e por pouco non botaron abaixo a porta da casa. [10]Niso os dous visitantes alongaron as mans, tiraron de Lot para dentro e pecharon a porta da casa. [11]E aos que estaban á entrada, desde os pequenos aos grandes, feríronos de cegueira e non puideron dar coa porta.

### Lot salvado da morte

[12]Os dous homes dixéronlle a Lot: –Que xente da túa tes aquí? Cantos parentes teñas na cidade, xenros, fillos, fillas, sácaos do lugar, [13]pois imos aniquilalo. O clamor contra El chegou onda o Señor e mandounos destruílo.

[14]Lot saíu para lles dicir aos xenros, que desposaran as súas fillas: –Dispóndevos para abandonar este lugar, pois o Señor destrúe a cidade.

Pero eles collérono a risa. [15]Os anxos, ao amañecer, espertaron a Lot: –Érguete e leva de aquí a túa muller e as dúas fillas, non sexa que perezades coa cidade.

[16]Como el se demorase, agarrárono da man, a el, á súa muller e ás dúas fillas. Pola compaixón de Deus con el, sacáronos e deixáronos fóra da cidade. [17]Alí fóra dixéronlle: –Fuxe, salva a túa vida. Non olles para atrás. Non te deteñas nesta veiga. Corre á montaña, se non queres perecer.

[18]Lot respondeulle: –Non, Señor meu, por favor. [19]Xa que mostraches o teu favor a este teu servo e me trataches con amor, salvándome a vida, mira que non vou poder chegar ata a montaña, antes de que me acade a desgraza e morra. [20]Aí preto está esa pequena vila, para fuxir alá e salvar a vida nela. Non é cousa ben pequena? E alí salvarei a vida.

[21]El respondeulle: –Tamén che concederei este favor de non destruír a vila da que falas. [22]Corre de présa e ponte a salvo nela, pois non podo facer nada ata que ti chegues alá.

Por iso lle puxeron a esa vila o nome de Soar. [23]O sol saía polo horizonte cando Lot chegou a Soar.

### Aniquilamento de Sodoma

[24]O Señor fixo chover sobre Sodoma e Gomorra xofre e lume desde o ceo. [25]Destruíu as cidades e a veiga ao arredor, cos seus moradores todos e coa súa vexetación. [26]A muller de Lot mirou para atrás e trocouse en estatua de sal. [27]Abraham ergueuse cedo, para ir decontado ao lugar onde estivera co Señor. [28]Ollou cara a Sodoma, Gomorra e toda a veiga e viu que do chan subía fume, coma fume dun forno. [29]Ao destruír as cidades da veiga, Deus pensou en Abraham e librou a Lot do aniquilamento das cidades onde estaba.

### As fillas de Lot

[30]Lot subiu de Soar e asentou coas súas dúas fillas na montaña, pois tivo medo de

único xusto de Sodoma (como en **19**, 22-25). Ese é o pecado de Sodoma; despois a tradición fixouse sobre todo na homosexualidade (sodomía). O pecado de Sodoma deixou longo recordo (Dt **29**, 22; Is **1**, 9; **13**, 19; Xer **23**, 14; **50**, 40; Ez **16**, 49s; Os **11**, 8s; Am **4**, 11; Mt **11**, 23s). Sen que o diga directamente, a intención do relato é a de lexitimar a expulsión dos Cananeos da súa terra, para facer espazo aos descendentes de Abraham. O relato é unha lenda etiolóxica, sen valor para a historia.

**19**, 1 Aquí e no v. 15 os personaxes son anxos; no resto, sempre homes.

**19**, 12 Con Lot, que se salva, queda a salvo a xustiza de Deus que Abraham invocara na súa intercesión. A intercesión de Abraham salva polo menos ao sobriño.

**19**, 22 A imaxinación quere ver Soar nun pequeno oasis que hai ao sur do Mar Morto (Xén **13**, 10; Dt **34**, 3; Xer **48**, 34). Hai un xogo etimolóxico entre o nome Soar e a "pequena cousa" que Lot pide (v. 20).

**19**, 26 Lenda etiolóxica local, para dar razón de penedos salinos, de formas caprichosas, da bisbarra de Sodoma.

**19**, 28s Abraham non pode dicir que Deus non fixo xustiza, pois salvou ao xusto Lot. Pero esa non é a xustiza que fai xustos.

**19**, 30ss Relato etiolóxico da orixe de dous pobos, parentes de Abraham: os moabitas e os amonitas. As etimoloxías dos nomes están feitas para recordar o xeito estraño da orixe. O autor non o xulga vilipendioso polo incesto. Máis ben parece que pensa no atrevemento das nais, na súa paixón por teren fillos que na pureza do sangue destes.

quedar en Soar. Vivía nunha cova coas dúas fillas. 31A máis vella díxolle á máis nova: –O noso pai é vello e por aquí non hai un home que se achegue a nós, como se fai en todos os lados. 32Imos emborrachar ao noso pai, e logo deitarémonos con el e teremos fillos del.

33Aquela mesma noite emborracharon a seu pai e a máis vella deitouse con el. Pero el non se decatou de cando ela se deitou nin de cando se ergueu. 34Ao seguinte día díxolle a máis vella á máis nova: –Onte deiteime eu con meu pai. Emborracharémolo tamén esta noite e déitaste ti con el. Deste xeito teremos fillos da súa mesma semente.

35Emborracharono tamén aquela noite e a máis nova deitouse onda el, sen que el se decatase de cando se deitou nin de cando se ergueu. 36As dúas fillas de Lot quedaron embarazadas de seu pai. 37A máis vella pariu un fillo e puxéronlle o nome de Moab. Este é o devanceiro dos moabitas de hoxe. 38Tamén a máis nova tivo un fillo e puxéronlle Benamí. Este é o devanceiro dos amonitas de hoxe.

### Abraham e Abimélec

**20** 1Abraham colleu o camiño cara ao Négueb e asentou entre Cadex e Xur. Residiu tamén por un tempo en Guerar. 2Abraham dicía que Sara, a súa muller, era súa irmá, e Abimélec, rei de Guerar, mandou que lla trouxesen. 3Pero Deus aparecéuselle de noite nun soño a Abimélec e ameazouno: –Vas morrer por causa da muller que tomaches, pois ten home.

4Abimélec non a tocara aínda e respondeu: –Señor, matarías tamén un inocente? 5Non me dixo el que ela era súa irmá e ela que el era seu irmán? Con intención sincera e mans limpas fixen isto.

6Deus díxolle en soños: –Sei que o fixeches con recta intención. Por iso eu gardeite de que pecases, non deixei que a tocases. 7Agora vólvelle a muller a seu home, que é profeta, e el pregará por ti para que vivas. Pero se non lla volves, ten por certo que morrerás, ti e todos os teus.

8Abimélec ergueuse cedo, chamou a toda a súa xente e contoulles o que pasaba. Todos colleron moito medo. 9Despois Abimélec chamou a Abraham para dicirlle: –Que fixeches connosco? En que che faltei eu, para botares enriba de min e do meu reino este pecado tan grande? Fixéchesme o que non se fai. 10Que buscabas ao faceres isto?

11Abraham respondeulle: –Pensei para min: Quizais neste país non teñen temor de Deus e mataranme por causa da miña muller. 12Polo demais tamén é certo que ela é miña irmá, filla do mesmo pai, aínda que non da mesma nai, e eu tomeina por muller. 13Cando Deus me levou lonxe da casa de meus pais, díxenlle así: "Vasme facer este favor: en calquera lugar a onde cheguemos, di que eu son teu irmán".

14Abimélec colleu ovellas, vacas, servos e servas e deullos a Abraham. E volveulle a Sara, súa muller. 15E díxolle: –Aí tes diante de ti a miña terra. Asenta onde che pareza.

16E a Sara díxolle: –Ves que lle dei mil moedas de prata a teu irmán. Será o veo dos teus ollos diante de todos os teus. Quedas xustificada.

17Abraham intercedeu, e Deus sandou a Abimélec, á súa muller e ás súas concubinas e puideron ter fillos outra vez, 18pois Deus pechara todo útero na familia de Abimélec, por causa de Sara, muller de Abraham.

### Nacemento de Isaac

**21** 1O Señor fixouse en Sara, como o tiña dito, e cumpriu con ela a súa promesa. 2Ela concibiu e deulle un fillo a Abraham na súa vellez, no tempo que Deus fixara. 3Abraham púxolle a ese fillo que lle naceu de Sara o nome de Isaac. 4Cando cumpriu oito días, Abraham circuncidou a Isaac, conforme Deus lle mandara. 5Abraham tiña cen anos cando lle naceu Isaac. 6Sara dixo daquela: –Deus fíxome rir de contenta e todos os que o oian, rirán coma min. 7E engadiu: –Quen lle ía dicir a Abraham que Sara criaría un fillo! E agora deullo na vellez.

8Medrou o neno e destetárono. O día que destetaron a Isaac, Abraham deu un xantar.

**20** Esta é a versión elohista de Xén **12**, 10-20 (de novo en Xén **26**, 1-11), con algunhas variacións. Non estamos en Exipto, senón en Guerar e con outros personaxes. O maior refinamento moral desta versión fai aparecer a Abraham enteiramente libre da mentira. Deus fala agora en soños; Abraham intercede coa forza dun profeta (Sal **105**, 15); Sara non chega a entrar no harén de Abimélec. Deus defende aos pais do pobo.

**20**, 14 Abraham sae con bens, como de Exipto (Xén **12**, 16), e como máis tarde os fillos de Xacob (Éx **11**, 2s; **12**, 35s).

**21** As tres versións da tradición refiren o nacemento de Isaac, anunciado na tradición sacerdotal (Xén **17**) e na iavista (Xén **18**).

**21**, 6 A risa de Sara ecoa no nome de Isaac (Xén **17**, 17; **18**, 12).

### Hagar e Ismael

9Viu Sara o fillo que a exipcia Hagar lle
dera a Abraham xogando con Isaac, 10e díxo-
lle a Abraham: –Bota fóra esa escrava con
seu fillo, pois o fillo desa escrava non herdará
con meu fillo Isaac.
11A cousa doeulle a Abraham, pois tratába-
se de seu fillo. 12Pero Deus díxolle: –Non te-
ñas dó do neno nin da escrava. Fai o que Sara
che di, pois por Isaac pasará o teu nome á
túa descendencia. 13Tamén do fillo da escrava
farei unha gran nación, por ser semente túa.
14Abraham ergueuse cedo, colleu pan e un
fol de auga, púxollos ás costas a Hagar, xunto
co fillo e despediuna. Ela marchou e andou
errante polo deserto de Beerxeba. 15Cando se
lle acabou a auga do fol, botou o neno ao pé
dun mato, 16e foise sentar soa máis alá, como
á distancia dun tiro de arco, pensando para si:
Non quero ver morrer o neno. E alí laiouse e
chorou.
17Oíu Deus os berros do neno e o anxo cha-
mou desde o ceo a Hagar para dicirlle: –Que
che pasa, Hagar? Non teñas medo, pois Deus
escoitou os berros do neno alí onde está. 18Ér-
guete, colle o neno, agárrao forte da man. Del
farei unha gran nación.
19Deus abriulle os ollos e ela viu un pozo
de auga. Foi alá, encheu o fol e deulle ao
neno de beber. 20Deus estaba co rapaz e este
medraba. Asentou no deserto e chegou a ser
un bo arqueiro. 21Vivía no deserto de Parán e
súa nai buscou unha muller exipcia para el.

### Pacto entre Abraham e Abimélec

22Daquela Abimélec e Picol, xefe da súa
xente, dixéronlle a Abraham: –Deus está
contigo en todo o que fas. 23Xúrame, pois,
por Deus aquí mesmo que non nos enganarás, nin a min, nin aos meus fillos, nin aos meus descendentes, senón que coa consideración con que eu te tratei a ti, hasme tratar ti a min e a esta terra á que viñeches.
24Abraham respondeu: –Así o xuro.
25Pero, coa mesma, reprendeu a Abimélec por causa do pozo que os servos deste lle usurparon. 26Abimélec retrucou: –Non sei quen o puido facer. Nin ti me dixeches nada, nin eu oín falar diso ata hoxe.
27Abraham colleu ovellas e vacas e deullas a Abimélec. E concordaron un pacto entre os dous. 28Abraham separou sete cordeiras do fato, 29e Abimélec preguntoulle: –Que queren dicir esas sete cordeiras que apartas?
30El respondeulle: –Ti recibes da miña man sete cordeiras: que me sirvan de proba de que eu cavei este pozo.
31Por iso púxolle a aquel lugar o nome de Beerxeba, porque alí xuraron os dous. 32Cando concluíron o pacto en Beerxeba, Abimélec e Picol, xefe da súa xente, volveron para o país dos filisteos. 33Abraham plantou un tamarisco en Beerxeba e invocou o nome do Señor, o Deus eterno. 34Abraham residiu no país dos filisteos moitos anos.

### O sacrificio de Isaac

**22** 1Despois destes feitos, Deus puxo á proba a Abraham, chamándoo: –Abraham!
El respondeu: –Aquí estou.
2Deus mandoulle: –Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ao país de Moriah. Alí ofrecerasmo en sacrificio, no cimo dunha das montañas que eu che mostrarei.

**21**, 9 Agora é Ismael o que xoga (ri) con Isaac. A Sara chégalle iso para botar a nai e o fillo da casa. O iavista xa referira este feito en Xén **16**.
**21**, 13 Aquí son os ismaelitas os que, pola súa relación con Abraham, teñen parte na bendición (**12**, 3).
**21**, 17 *Oíu...*: xogo de palabras co nome de Ismael, "Deus escoita".
**21**, 22ss A tradición pinta as relacións de Abraham co clan de Abimélec, de xeito que se vexa saír daquel a bendición para outros pobos. O nome de Beerxeba dá orixe a este relato etiolóxico, que o fai significar "pozo dos sete", ou tamén "pozo do xuramento", da alianza, como no duplicado que se refire a Isaac (c. **26**).
**21**, 33 *Deus eterno*, El-Olam, nome co que se invoca a Deus en Beerxeba, segundo o elohista, que non fai uso de Iavé ata Éx **3**, 13ss.
**21**, 34 A mención dos filisteos na época patriarcal é anacrónica, pois os filisteos entraron nesa terra no século XIII a. C. Pero esta historia escribiuse despois diso, cando xa levaban alí tempo.
**22** Versión elohista, con elementos iavistas. O tema do capítulo é a promesa de descendencia. Abraham ten un fillo; pero este fillo vai ser punto de "proba" para o pai. A proba quere definir o pobo que nace de Abraham como fillo da súa fe. Se vai ser un pobo de Deus, ten que nacer como regalo de Deus á fidelidade e á confianza de Abraham. Envoltos co tema principal, están os secundarios de sacrificio humano, que o pobo da Biblia refuga (Lev **18**, 21; **20**, 2-5; Dt **12**, 31), o rescate dos primoxénitos (Éx **13**, 11-13), a orixe dun santuario na montaña do Moriah.
**22**, 1 A superación da proba recordarase de aquí en adiante (Sab **10**, 5; Eclo **44**, 20; Heb **11**, 17s).
**22**, 2 O obxecto do sacrificio defínese con catro termos; seméllase á orde de saída da casa de seus pais (**12**, 1). Abraham atopoulle xeito a aquela orde, e seguiuna; agora o seu comportamento segue a mesma lóxica.

3Abraham ergueuse cedo, aparellou o burro e tomou consigo dous criados e mais o seu fillo Isaac. Coa leña cortada para o sacrificio, púxose ao camiño en dirección do lugar que Deus lle indicara. 4Ao terceiro día Abraham ergueu os ollos e viu o sitio desde lonxe. 5Abraham díxolles aos criados: –Esperade aquí co burro. Eu e mais o rapaz chegarémonos ata alá. Adoraremos e deseguida volvemos onda vós.

6Abraham colleu a leña do sacrificio e púxolla a Isaac, seu fillo, ás costas. Tomou na man o lume e o coitelo e camiñaban os dous xuntos. 7Isaac díxolle a seu pai: –Meu pai!

El respondeu: –Que queres, fillo?

O rapaz dixo: –Levamos lume e leña. Pero onde está o año para o sacrificio?

8Abraham respondeulle: –Meu fillo, o año Deus o proverá.

E camiñaban os dous xuntos. 9Chegados ao lugar que Deus dixera, Abraham construíu un altar, puxo enriba del a leña, atou o seu fillo Isaac e deitouno no altar, por enriba da leña. 10Despois tendeu a man e agarrou o coitelo para sacrificar o seu fillo. 11Mais o anxo do Señor chamou desde o ceo: –Abraham! Abraham!

El respondeu: –Aquí estou.

12O anxo dixo: –Non poñas a man no rapaz nin lle fagas mal ningún. Agora dei comprobado que tes temor de Deus, pois non me negaches o teu fillo, o único que tes.

13Abraham ergueu os ollos e viu un carneiro atrapado polos cornos nunha silveira. Botou man del e ofreceuno en sacrificio, no posto do seu fillo. 14Abraham púxolle ao lugar o nome de Moriah. Por iso aínda hoxe se di: "Na montaña o Señor proverá".

### Renovación da promesa

15O anxo do Señor chamou a Abraham outra vez desde o ceo: 16–Xúroche por min mesmo –palabra do Señor– que por faceres isto e non me negares o teu fillo, o único que tes, 17bendicireite e farei crecer os teus descendentes coma as estrelas do ceo e as areas do mar. Os teus descendentes herdarán as cidades dos inimigos. 18Todos os pobos da terra terán bendición na túa descendencia, por me teres ti obedecido. 19Abraham volveu onda os criados e todos xuntos colleron o camiño de Beerxeba. Abraham asentou alí.

### A familia de Nahor

20Pasado algún tempo, dixéronlle a Abraham: –Tamén Milcah lle deu fillos a Nahor, teu irmán. 21Deulle a Us, o primoxénito, despois a Buz, seu irmán, e a Quemuel, pai de Aram; 22os outros logo foron Quésed, Hazó, Pildax, Idlaf e Betuel.

23Betuel foi pai de Rebeca. Estes son os oito fillos que Milcah lle deu a Nahor, irmán de Abraham. 24Unha concubina chamada Reumah deulle, ademais, a Tebah, a Gaham, a Tahax e a Maacah.

### O sepulcro dos patriarcas

**23** 1Sara viviu cento vinte e sete anos. Eses foron por xunto os anos da súa vida. 2Morreu en Quiriat-Arbah, hoxe Hebrón, no país de Canaán. Abraham fixo o velorio e chorou pola súa muller. 3Logo ergueuse de onda a defunta e foi falar cos fillos de Het: 4–Eu son un forasteiro, que reside entre vós. Dádeme aquí un sepulcro en propiedade, para enterrar nel a miña finada.

5Os fillos de Het respondéronlle: 6–Escóitanos, señor: ti es para nós un príncipe de Deus. Enterra a túa finada no mellor dos nosos sepulcros. Ninguén de entre nós che negaría o seu sepulcro para que a enterres nel.

7Pero Abraham foi e prostrouse diante dos fillos de Het, os paisanos daquela terra, 8e fa-

**22**, 5 Para Abraham o sacrificio é un rito sacro, un xesto de adoración. Fala de que "volverán", seguro de que non quedará de maneira ningunha sen o fillo, aínda que non saiba o xeito en que Deus proverá. Deus di a palabra derradeira por medio do mensaxeiro (vv. 11. 15).

**22**, 6 *Camiñaban os dous xuntos*, pero o fillo non sabe nada do que significa o camiño para o pai. O sacrificado no Moriah é Abraham, non Isaac.

**22**, 13 O rescate dos primoxénitos por un animal que os substitúa é unha lei para Israel (Éx **13**, 11-13).

**22**, 15-18 Renovación e confirmación da promesa patriarcal (**12**, 2s; **15**, 5).

**22**, 20ss Xenealoxía iavista de Nahor, irmán de Abraham, feita con vistas ao casamento de Isaac con súa curmá Rebeca (c. **24**). O número de doce clans de arameos recorda o das doce tribos de Israel e o das doce de Ismael (**25**, 13).

**23** A tradición sacerdotal remata con este c. o tema da promesa da terra. Co pretexto dun sepulcro para Sara, súa muller, Abraham adquire en propiedade un anaco de terra, que o fai pasar da condición de estranxeiro residente á de habitante do país. O documento de transferencia faise como o esixe a lei. Tamén na tradición de Xacob hai unha compra parecida en Xequem (**33**, 19). O c. ofrece a etioloxía da orixe da tumba dos patriarcas.

**23**, 3 Os fillos de Het puideron ser os hititas que asentaron en Canaán, despois da desfeita do seu reino. Atopámolos máis dunha vez nas listas da poboación de Canaán (Éx **34**, 11; Dt **7**, 1).

loulles así: –Se estades de acordo en que eu enterre a miña defunta, escoitádeme e valede por min diante de Efrón, fillo de Soar, [9]para que me venda a cova de Macpelah, que está na beira do seu eido. Que polo seu debido prezo ma dea, diante de vós, para sepulcro en propiedade.

[10]Efrón o hitita atopábase entre os fillos de Het e respondeulle a Abraham, de xeito que o oísen os fillos de Het e todos os que entraban polas portas da cidade: [11]–Non, meu señor. Escoita: douche para ti o eido, coa cova que hai nel. Douchos á vista do meu pobo. Enterra nel a túa morta. [12]Abraham prostrouse outra vez diante da xente do país, [13]e díxolle a Efrón, de xeito que todos o oísen: –Se che parece, escóitame agora ti a min. Eu págoche o prezo do eido. Acéptamo e enterrarei nel a miña morta.

[14]Efrón respondeulle a Abraham: [15]–Escóitame, señor meu: o valor do terreo é de catrocentos siclos de prata. Que é iso entre nós? Enterra a túa morta.

[16]Abraham colleu a Efrón pola palabra e, á vista dos fillos de Het, pesou os catrocentos siclos de prata de que falara Efrón, en moeda corrente, e pagoullos. [17]Desa maneira o eido de Efrón, en Macpelah enfronte de Mambré, o agro coa cova e coas árbores de dentro dos lindeiros que o rodean, [18]pasaron a ser propiedade de Abraham, á vista dos fillos de Het e de todos os que entraban polas portas da cidade. [19]Abraham enterrou a Sara, súa muller, na cova de Macpelah, enfronte de Mambré, hoxe Hebrón, no país de Canaán. [20]Os fillos de Het traspasáranlle o eido de Macpelah coa súa cova a Abraham para sepulcro en propiedade.

### Casamento de Isaac

**24** [1]Abraham era xa vello, entrado en anos. O Señor tíñao bendito sempre en todo. [2]Díxolle ao criado maior, o que administraba os bens da casa: –Pon a man baixo a miña coxa [3]e xúrame polo Señor, Deus de ceo e terra, que non tomarás muller para meu fillo de entre as fillas dos cananeos cos que habito, [4]senón que irás á miña terra, onda os meus parentes, e procurarás alí muller para meu fillo Isaac.

[5]O criado preguntoulle: –E se a muller non quixese vir comigo a este país, levarei a teu fillo á terra de onde ti saíches?

[6]Abraham respondeulle: –Gárdate de levar alá a meu fillo. [7]O Señor, Deus do ceo, que me tirou da casa de meus pais e do meu clan e que me prometeu con xuramento: Aos teus descendentes dareilles este país, mandará diante de ti o seu anxo e encontrarás alí a muller para o meu fillo. [8]Se a muller non quixese vir contigo, quedas libre do xuramento. Pero de ningún xeito levarás alá a meu fillo.

[9]Coa man baixo da coxa do seu amo, o criado xurou conforme o que falaran. [10]O criado colleu logo dez camelos do seu amo e moitas outras cousas de valor e púxose en camiño de Aram-Naharáim, cara á cidade de Nahor. [11]Nas aforas da cidade, á beira dunha fonte, fixo axeonllar os seus camelos. Era á tardiña, cando saen as rapazas para colleren auga. [12]El pregou entón deste xeito: –Señor, Deus do meu amo Abraham, ven hoxe ao meu encontro e trátao a el con amor. [13]Eu voume pór ao pé da fonte, cando as rapazas da cidade veñan sacar auga. [14]A rapaza á que eu lle diga: "Baixa o cántaro, por favor, e dáme de beber"; e que ela me responda: "Bebe ti e abeberarei tamén os teus camelos", sexa a que ti determinas para o teu servo Isaac. Niso saberei eu que tratas ao meu amo con amor.

[15]Non acabara aínda de falar, cando saíu Rebeca, filla de Betuel, fillo de Milcah, a muller de Nahor, irmán de Abraham, co seu cántaro ao ombreiro. [16]A rapaza era moi bela e aínda unha doncela, non tocada por home. Baixou á fonte, encheu o cántaro e subiu. [17]O criado de Abraham correu onda ela e díxolle: –Déixame beber unha pouca auga do teu cántaro.

[18]Ela dixo: –Bebe, señor.

E baixou deseguida o cántaro ao brazo para lle dar de beber. [19]Cando el acabou de beber, díxolle ela: –Collerei tamén auga para os teus camelos. Que beban canto queiran.

**24** Aquí remata o iavista o tema da descendencia de Abraham. O matrimonio do fillo Isaac é referido como cousa do pai. Este avecíñase á morte. Pero antes puido ver que se lle cumpría a promesa. O relato é vagaroso, humano, como tantos outros nos que o iavista parece non ter présa.

**24**, 3 Ese rito de xuramento fúndase na sacralidade dos órganos da xeración (**47**, 29).

**24**, 6s Levar a Isaac á terra de orixe sería coma desandar os camiños que xa fixera Abraham cara ao seu pobo, cara á súa terra.

**24**, 10 *Aram-Naharáim,* na alta Mesopotamia, é a terra de orixe dos patriarcas (**11**, 31).

**24**, 15 *Betuel* é aquí e máis adiante (vv. 24, 47, 50) fillo de Nahor e pai de Rebeca. Pero o papel de xefe da familia parece xogalo Labán, fillo de Nahor e irmán de Rebeca.

[20]Baleirou o cántaro na pía e foi decontado
ao pozo sacar máis, ata abeberar os camelos
todos. [21]O home mirábaa calado, querendo
saber se o Señor facía ou non de proveito a
súa viaxe. [22]Cando os camelos acabaron de
beber, colleu o home un anel de ouro, de me-
dio siclo de peso, e púxollo á rapaza no nariz,
e para os brazos dous torques de ouro de dez
siclos. [23]E coa mesma preguntoulle: –Ti de
quen es filla? Hai na casa de teu pai lugar
para pousada?

[24]Ela respondeulle: –Eu son filla de Be-
tuel, o fillo de Milcah e de Nahor. [25]E enga-
diu: –Na casa temos palla e feo dabondo e
tamén lugar para pousada.

[26]O home prostrouse por terra e adorou
ao Señor: [27]–Bendito sexa o Señor, Deus do
meu amo Abraham, que non lle negou ao
meu amo o seu amor e a súa fidelidade. El
foi quen me guiou no meu camiño, ata a casa
dos seus parentes.

[28]A rapaza correu á casa a contarlle a
súa nai o acontecido. [29]Rebeca tiña un ir-
mán que se chamaba Labán. [30]Cando este
viu o anel e os torques da irmá e oíu o que
contaba Rebeca que aquel home lle dixera,
marchou buscalo e atopouno onda a fonte,
cos camelos. [31]Labán díxolle: –Ven, bendito
do Señor. Por que ficas aquí fóra? Téñoche
preparado apousento e tamén lugar para os
camelos.

[32]E Labán levouno para a casa, desapare-
llou os camelos, deulles palla e feo e puxo
auga para que o home e os seus acompañan-
tes puidesen lavar os pés. [33]Cando lle servían
de comer, o home dixo: –Non probarei bo-
cado, mentres non explique a razón que me
trouxo.

Dixéronlle eles: –Fala.

[34]Entón el dixo: –Son criado de Abraham.
[35]O Señor ten bendicido tanto ao meu amo,
que hoxe está rico. Deulle ovellas e vacas,
prata e ouro, servos e servas, camelos e as-
nas. [36]Sara, a muller do meu señor, na súa ve-
llez deulle un fillo; este fillo herda todo. [37]O
meu amo fíxome xurar: Non tomarás muller
para meu fillo de entre as fillas dos cananeos
cos que habito, [38]senón que irás á casa de
meus pais, á miña parentela, e tomarás de alí
muller para meu fillo. [39]Eu advertinlle: E se
a muller non quere vir comigo? [40]E el res-
pondeume: O Señor, con quen andei sempre,
mandará contigo o seu anxo. El dará boa fin
á túa viaxe e atoparás muller para o meu fillo
na miña parentela, na familia de meus pais;
[41]entón quedarás libre do xuramento que me
fixeches. Mais se chegas á miña parentela e
non che queren dar a rapaza, tamén quedas
libre deste xuramento.

[42]Ao chegar hoxe onda a fonte, recei esta
oración: Señor, Deus do meu amo Abraham,
se tes de dar boa fin a esta viaxe que teño
emprendida, [43]verás, eu voume poñer ao pé
da fonte. A rapaza que veña sacar auga e
eu lle diga: "Dáme unha pouca auga do teu
cántaro". [44]Se ela me responde: "Bebe ti, e
sacarei tamén para os teus camelos", sexa
esa a muller que elixe o Señor para o fillo do
meu amo. [45]Estaba eu pensando isto, cando
saíu Rebeca co cántaro ao ombreiro e baixou
á fonte sacar auga. Eu díxenlle: "Dáme de
beber". [46]E ela baixou o cántaro e díxome:
"Bebe ti e abeberarei tamén os teus camelos".
[47]Eu pregunteille entón: "De quen es filla?".
E ela díxome: "De Betuel, fillo de Nahor e
Milcah". Niso púxenlle o anel no nariz e os
torques nos brazos. [48]Despois axeonlleime,
adorei ao Señor e bendicín o Deus do meu
amo Abraham, que me guiou polo bo cami-
ño, ata atopar para muller de seu fillo a filla
de seu irmán. [49]Agora, se pensades compor-
tarvos co meu amo con amor e lealdade, dicí-
demo; e se non, dicídemo tamén, para que eu
saiba o que hei facer.

[50]Labán e Betuel responderon: –A cousa
vén de Deus. Nós nada podemos xa dicir-
che, nin se está ben nin se está mal. [51]Aí tes
a Rebeca diante túa. Tómaa e vaite e sexa a
muller do fillo do teu amo, conforme dispuxo
o Señor.

[52]En oíndo isto, o servo de Abraham pros-
trouse polo chan para adorar o Señor. [53]Logo
sacou obxectos de prata e ouro e vestidos, e
deullos a Rebeca. Fíxolles tamén regalos a
seu irmán e a súa nai. [54]O home e os seus
compañeiros comeron e beberon e pasaron
alí a noite. Ao erguerse pola mañá, dixo o
criado de Abraham: –Deixádeme que volva
onda o meu amo.

[55]O irmán e a nai de Rebeca propuxeron:
–Que a rapaza quede connosco uns dez días
e despois irá contigo.

[56]Pero el dixo: –Non me deteñades máis,
cando o Señor deu tan boa fin á miña viaxe.
Deixádeme que volva onda o meu amo.

[57]Respondéronlle eles: –Imos chamar a ra-
paza e pedirlle o seu parecer.

[58]Chamaron, pois, a Rebeca e pregun-
táronlle: –Queres ir con este home?

E ela dixo: –Quero.

[59]Entón despediron a Rebeca coa súa ama
de leite e ao criado de Abraham cos seus
compañeiros. [60]A Rebeca botáronlle esta
bendición:

Ti, nosa irmá,
que crezas por milleiros,
que os teus descendentes se apropien
das cidades dos teus inimigos.
[61]Rebeca e as súas servas montaron nos camelos e seguiron ao home. Este fíxose cargo de Rebeca e púxose ao camiño. [62]Isaac acababa de vir de onda o pozo de Lahai-Roí e de se asentar no Négueb. [63]A caída da tarde saíu á campía caviloso. Erguendo os ollos, viu vir unha caravana de camelos. [64]Tamén Rebeca ergueu a vista e reparou en Isaac. Baixou do camelo [65]e preguntoulle ao criado: –Quen é aquel que vén pola campía cara a nós?

O criado respondeulle: –É o meu amo.

Ela entón colleu o veo e cubriuse. [66]O criado deu conta a Isaac de todo o que lle acontecera. [67]Isaac introduciu a Rebeca na tenda de Sara, súa nai, tomouna por súa muller e amouna e consolouse da morte de súa nai.

### Morte de Abraham

**25** [1]Abraham tomou outra muller que se chamaba Queturah. [2]Esta deulle por fillos a Zimrán, Iocxán, Medán, Madián, Ixbac e Xúah. [3]Iocxán xerou a Xebá e Dedán. Os fillos de Dedán foron os asirios, os latuxios e os leumios. [4]Os fillos de Madián foron Efah, Éfer, Hanoc, Abidá e Eldaáh. Todos eles son descendentes de Queturah.

[5]Abraham fixo a Isaac herdeiro de todo o que tiña. [6]Aos fillos das concubinas fíxolles mandas e afastounos en vida de seu fillo Isaac cara aos países do oriente. [7]Os anos que Abraham viviu foron cento setenta e cinco. [8]Ao cabo deles expirou e morreu en boa vellez, satisfeito da vida e foi xuntarse co seu pobo.

[9]Seus fillos Isaac e Ismael enterrárono na cova de Macpelah, no eido de Efrón, fillo de Soar o hitita, de fronte a Mambré. [10]É o campo que lles mercara Abraham aos fillos de Het. Nel foron enterrados Abraham e Sara, súa muller. [11]Despois da morte de Abraham, Deus seguiu bendicindo a seu fillo Isaac. Este asentou onde estaba o pozo de Lahai-Roí.

### Descendentes de Ismael

[12]Esta é a historia de Ismael, o fillo que lle deu a Abraham a serva exipcia Hagar. [13]Os fillos de Ismael, por orde de nacemento, son os seguintes: Nebaiot o primoxénito, Quedar, Abdeel, Mibsam, [14]Mixmá, Dumah, Masá, [15]Hadad, Temá, Ietur, Nafix e Quédmah. [16]Eses son os fillos de Ismael polos seus nomes, segundo os seus poboados e os seus campamentos. Doce xefes de doce tribos.

[17]Os anos que Ismael viviu foron cento trinta e sete. Ao cabo deles expirou, morreu e foi xuntarse co seu pobo. [18]Os seus descendentes asentaron desde Havilah ata Xur, que mira cara a Exipto, vindo de Asur. Cadraron irmáns en fronte de irmáns.

## ISAAC E XACOB

### Os fillos de Isaac: Esaú e Xacob

[19]Esta é a historia de Isaac, fillo de Abraham.

Abraham xerou a Isaac. [20]Cando Isaac tiña corenta anos, tomou por muller a Rebeca, filla de Betuel, arameo de Padán Aram, e irmá de Labán o Arameo. [21]Isaac pregou ao Señor pola súa muller que era estéril. O Señor escoitouno e Rebeca, súa muller, quedou embarazada. [22]Pero os nenos loitaban no seu ventre e ela queixouse: Se é así, para que vivo?

E foi consultar ao Señor. [23]A resposta foi esta: –Hai dúas nacións no teu ventre,
dous pobos que se dividen xa nas túas entrañas.

**24**, 62 O relato lévanos outra vez ao territorio do Négueb, onda o pozo de Lahai-Roí (**16**, 13s), sitio de morada de Isaac.

**25**, 1-6 En vistas ao capítulo da promesa que se refire á bendición, o iavista recoñece relacións de familia entre Abraham e seis grupos de poboadores do país. Pero non se esquece do posto central do herdeiro.

**25**, 7ss Os datos da morte de Abraham, coas fórmulas coñecidas de vida cumprida e feliz, gardáronse na linguaxe da tradición sacerdotal.

**25**, 12ss Doce clans de poboadores de Arabia, coñecidos por referencia a Ismael. Tamén estes levan sangue de Abraham e tamén eles quedan nas beiras da historia de Abraham e do seu pobo.

**25**, 19ss Fóra dos vv. 19s, temos aquí en versión iavista o nacemento de Esaú e Xacob. Polos trazos cos que o relato caracteriza os dous nenos, está falando dos dous pobos que co tempo sairán deles, e das súas terras respectivas. A esterilidade da nai quere facer ver que é o Señor quen crea o pobo desde o primeiro pai. O narrador decide a sorte dos dous irmáns e dos dous pobos e as súas relacións desde o momento de nacer. Volve o feito da elección do irmán menor, tema do gusto do iavista, coma no caso de Abel e de Isaac. Non é a natureza a que elixe, senón a vontade de Deus.

**25**, 22 Ao sentir a pelexa no seo, a nai ten medo polo froito: non sexa que se repita o caso de Caín (**4**, 5).

**25**, 23 O oráculo que anuncia a sorte das dúas nacións, Edom e Israel, é historia lida ao principio (como a creación), no nacemento dos protagonistas.

Un pobo poderá co outro,
o máis vello servirá ao máis novo.
[24]Chegada a hora do parto, viuse que tiña
dous xemelgos no seu ventre. [25]Saíu primeiro un, todo louro, peludo coma unha pelica. Puxéronlle por nome Esaú. [26]Despois, agarrado do calcañar de Esaú, saíu seu irmán. E chamáronlle Xacob. Isaac tiña sesenta anos, cando lle naceron os dous fillos. [27]Os nenos fixéronse grandes. Esaú era bo cazador e home do campo. Xacob, en troques, era amigo de quedar na tenda. [28]Isaac amaba a Esaú, porque gustaba da súa caza. Pero Rebeca prefería a Xacob.

### Venda da primoxenitura

[29]Nunha ocasión tiña Xacob disposto un guiso e nisto chegou Esaú canso do monte. [30]Esaú pediulle a Xacob: –Dáme a comer esa cousa vermella, pois estou esgotado (por iso lle puxeron o nome de Edom).

[31]Respondeulle Xacob: –Coa condición de que me vendas agora mesmo os dereitos de primoxénito.

[32]Esaú pensou: –Estou que morro. De que me serve a primoxenitura?

[33]Xacob dixo: –Xúramo agora mesmo.

El xuroullo, e vendeulle a Xacob a súa primoxenitura. [34]Entón Xacob deulle a Esaú un anaco de pan e mais o guiso de lentellas. El comeu e bebeu e despois foise. En tan pouco tiña Esaú os dereitos da primoxenitura.

### Isaac e Abimélec

**26** [1]Houbo fame no país, como outrora en tempos de Abraham, e Isaac foi a Guerar, preto de Abimélec, rei dos filisteos. [2]O Señor aparecéuselle e díxolle: –Non baixes a Exipto. Asenta na terra que eu che mostrarei. [3]Fai nesta terra a túa morada. Eu estarei contigo e bendicireite. A ti e aos teus descendentes dareivos esta terra, para manter o xuramento que fixen a teu pai Abraham. [4]Farei crecer os teus descendentes como as estrelas do ceo, dareilles toda esta terra e por eles chamaranse benditas as nacións todas do mundo; [5]todo porque Abraham me obedeceu, gardou a miña lei, os meus preceptos e as miñas instrucións.

[6]Isaac asentou en Guerar. [7]A xente do lugar preguntáballe pola súa muller e el respondía: –É miña irmá.

Tiña medo de confesar que era súa muller, pensando: Esta xente vaime matar por culpa de Rebeca. Porque era moi bela. [8]Cando levaban xa ben tempo no lugar, Abimélec, rei dos filisteos, ollou pola fiestra e viu a Isaac acariñando a Rebeca súa muller. [9]Entón fíxoo chamar para dicirlle: –Conque é túa muller. Por que me dixeches que era túa irmá?

Isaac respondeulle: –Porque pensei: Vanme matar por culpa dela.

[10]Abimélec replicou: –Por que nos fixeches isto? Se chega a deitarse alguén coa túa muller, faríasnos reos dun delito.

[11]Abimélec advertiu a toda a súa xente: Se alguén lle toca a este home ou á súa muller, será reo de morte.

### Prosperidade de Isaac

[12]Isaac sementou o agro e recolleu naquela anada o cento por un. O Señor bendiciuno [13]e o home foi medrando, ata se facer moi podente. [14]Tiña fatos de ovellas e de vacas e moitísimos criados. Os filisteos tíñanlle envexa [15]e encheron de terra e cegaron os pozos que abriran os criados de seu pai Abraham. [16]Abimélec díxolle a Isaac: –Marcha de onda nós, pois ti es moito máis forte.

**25**, 25 *Louro e peludo*, propiedades de Esaú, resoan nos nomes do seu pobo: Edom, de "adom", vermello, rubio; e Seir, de "sear", pelo.
**25**, 26 O nome de Xacob derívase aquí de "égeb", calcañar, aludindo ao xesto do que sae loitando desde o seo polo dereito da primoxenitura. Outras veces o nome vese referido a "agab", enganar (**27**, 36; Os **12**, 4). O nome de seu é coñecido como parte do teofórico Iaacob-El, Deus protexe.
**25**, 30 O nome de Esaú atópase aquí referido á cor rubia do guiso.
**25**, 31 O primoxénito herda o dobre do que herdan os irmáns (Dt **21**, 17); aquí enténdese que herda a bendición e con ela a promesa patriarcal.
**25**, 34 O narrador recolle como nota negativa de Esaú o seu desprezo pola primoxenitura (Heb **12**, 16).
**26** Este é o único capítulo que se refire directamente a Isaac. Fóra disto a tradición fala del como fillo de Abraham (**21**; **22**; **24**) ou como pai de Xacob (**25**, 19ss; **27**; **28**,1-9). Fillo de moito pai e pai de moito fillo, quedou ensombrecido, como ponte entre os dous. Polo demais, o que este capítulo di del atópase duplicado na tradición de Abraham: **26**, 1-6, en **12**, 10-20 e **20**, 1ss; o tema da loita polos pozos en **21**, 22-33.
**26**, 2 Nisto distínguese de Abraham, que baixou a Exipto (**12**, 10); tamén Xacob baixará un día con seus fillos (**46**, 3).
**26**, 8 Acariñar dise co mesmo verbo que rir; resoa no nome de Isaac (**17**, 17; **21**, 6. 9).

17Isaac marchou de alí, parou no val de
Guerar e alí asentou. 18Abriu de novo os po-
zos que foran xa cavados en vida de seu pai
Abraham e que, despois da súa morte, cega-
ran os filisteos e púxolles os mesmos nomes
que lles puxera seu pai. 19Os criados de Isaac
cavaron tamén no torrente e deron cun ma-
nancial. 20Os pastores de Guerar rifaron cos
de Isaac dicindo: –A auga é nosa.

Por culpa desa discusión puxéronlle ao
pozo o nome de Contenda. 21Despois cava-
ron outro pozo e rifaron tamén por el. Cha-
máronlle, por iso, Inimizade. 22Isaac foise
de alí e fixo abrir outro pozo. Por este non
houbo discusión e púxolle Rehobot, pensan-
do: Agora dános largueza o Señor para que
prosperemos nesta terra.

23De alí subiu Isaac ata Beerxeba. 24Aquela
mesma noite aparecéuselle o Señor e díxolle:
–Eu son o Deus de teu pai Abraham. Non te-
ñas medo, pois eu estou contigo. Bendicireite
e aumentarei a túa descendencia, por mor do
meu servo Abraham.

25Isaac construíu alí un altar e invocou o
nome do Señor. Montou a súa tenda e os seus
criados abriron un pozo alí mesmo.

### Pacto de Isaac con Abimélec

26Abimélec chegouse onda Isaac desde
Guerar, con Ahuzat o seu amigo e con Picol
xefe da súa xente. 27Isaac preguntoulles: –A
que vindes onda min, vós que me aborrece-
stes e me botastes da vosa compaña?

28Respondéronlle eles: –Acabamos por
ver que o Señor está contigo. Queremos que
haxa entre nós un compromiso, que estable-
zamos un pacto. 29Ti non nos farás mal, como
non te tocamos tampouco nós a ti. Tratámos-
te sempre ben e démosche unha boa despedi-
da. E agora ti es o bendito do Señor.

30Isaac preparoulles un xantar e comeron
e beberon. 31Érguéronse de mañá e intercam-
biaron xuramentos. Despois Isaac despediu-
nos, e eles fóronse en paz. 32O mesmo día
chegaron os criados de Isaac para o informa-
ren do pozo que estaban abrindo; dixéronlle:
–Atopamos auga.

33El púxolle o nome de Xeba. De aí o
nome da cidade de Beerxeba ata hoxe.

### As mulleres de Esaú

34Cando Esaú tiña corenta anos, tomou por
mulleres a Xudit, filla de Beerí o hitita, e a
Basmat, filla de Elón, tamén hitita. 35Foron
causa de tristura para Isaac e para Rebeca.

### Isaac bendí a Xacob

**27** 1Isaac fíxose vello e anubróuselle a
vista. Entón chamou ao seu primoxé-
nito Esaú: –Fillo!

E el respondeulle: –Aquí estou.

2E o pai seguiu: –Ti ves que xa vou vello e
non sei cando morrerei. 3Colle as túas armas,
o arco e a alxaba, sae ao monte e cázame
unha peza. 4Guísaa como sabes que me gus-
ta, e tráesma que a coma, pois quero darche a
miña bendición antes de morrer.

5Namentres Isaac dicía isto a seu fillo, Re-
beca estábao escoitando. Esaú saíu ao mon-
te, pola peza que lle cumpría. 6Entón díxolle
Rebeca a seu fillo Xacob: –Oín que teu pai
falaba con teu irmán Esaú e que lle dicía:
7"Trae caza e prepárame un bo guiso. Come-
rei e bendicireite na presenza de Deus, antes
de morrer". 8Agora, fillo, atende ben ao que
che mando. 9Vas ao rabaño, tráesme dous bos
cabuxos e guisareillos a teu pai, do xeito que
a el lle saben. 10Ti levarasllos a teu pai, para
que coma e che dea a súa bendición, antes
de morrer.

11Xacob díxolle a súa nai: –Repara que
meu irmán Esaú é peludo e que eu, en tro-
ques, son lampo. 12Se meu pai me apalpase,
descubriríame trampulleiro, e no lugar da
bendición atraería sobre min a maldición.

13Súa nai respondeulle: –Que esa maldi-
ción, meu fillo, caia sobre min. Ti escóitame,
vai e tráeme os cabuxos.

14El foi, colleu os cabuxos e tróuxollos á
nai. Ela preparou o guiso, do xeito que lle
gustaba a seu pai. 15Rebeca botou man da
roupa do fillo maior, Esaú, a mellor que tiña
na casa e vestiulla a Xacob, o fillo máis novo.
16Coas peles dos cabuxos cubriulle as mans e

**26**, 22 *Rehobot* significa "largueza", contrastando cos outros; *Ésec*, contenda; e *Sitnah*, inimizade. Nos nomes dos pozos cóntase a historia das relacións.
**26**, 33 Temos de novo a explicación do nome de *Beerxeba* como "pozo do xuramento" (Xén **21**, 30s).
**26**, 34 Máis sobre as mulleres de Esaú en Xén **28**, 6-9 e **36**, 1ss.
**27** O iavista refire aquí como Xacob rouba a Esaú a bendición paterna, que o fai herdeiro dos seus bens e, sobre todo, da promesa feita por Deus a Abraham. Xacob retrátase aquí coma o home adamita e o home babélico, que tratan de conseguir por eles mesmos os bens e a bendición que farán o pobo de Deus. O relato está composto de varios cadros, sempre con dous personaxes cada un. O papel da nai é o de afondar no carácter do que será Xacob. O autor do relato retrata no pai do pobo os trazos escuros deste.

a parte lampa do pescozo. [17]E puxo nas mans
de Xacob, seu fillo, o guiso que preparara e
mais un anaco de pan. [18]Xacob entrou onda
seu pai e saudou: –Meu pai!
El respondeu: –Aquí estou. E ti, meu fillo,
quen es?
[19]Xacob díxolle a seu pai: –Eu son Esaú, o
teu primoxénito. Fixen conforme me manda-
ches. Érguete, séntate e come da miña caza,
para que me deas logo a túa bendición.
[20]Isaac preguntoulle a seu fillo: –Como a
atopaches tan axiña, meu fillo?
El respondeulle: –O Señor Deus púxoma
diante.
[21]Isaac díxolle a Xacob: –Achégate, fillo,
que te apalpe, para ver se es ou non meu fillo
Esaú.
[22]Xacob chegouse a Isaac. Este apalpouno,
e dixo: –A voz é a de Xacob, pero as mans
son as de Esaú.
[23]E non o recoñeceu, porque as súas mans
eran peludas coma as de seu irmán. E bendi-
ciuno. [24]Despois volveulle a preguntar: –Es ti
de verdade meu fillo Esaú?
El respondeulle: –Son.
[25]Isaac dixo: –Sírveme, meu fillo, a comi-
da, e logo dareiche a miña bendición.
Xacob serviuno, e el comeu; tróuxolle viño
e bebeu. [26]Despois díxolle Isaac: –Achégate
aquí e bícame, meu fillo. [27]E Xacob achegou-
se e bicouno. Ao sentir Isaac o recendo da
roupa, deulle esta bendición:

Sentide o recendo do meu fillo,
coma recendo dun agro
bendito polo Señor.
[28]Deus che dea o orballo do ceo,
a fartura da terra,
abundancia de trigo e de viño.
[29]Que te sirvan os pobos
e te respecten as nacións.
Sé señor de teus irmáns
e que te respecten os fillos de túa nai.
Maldito o que te maldiga,
bendito o que te bendiga.

[30]En acabando Isaac de bendicir a Xacob e
este de saír de onda seu pai, chegou Esaú coa
súa caza. [31]Preparou el tamén un guiso sabo-
roso, levoullo a seu pai e díxolle: –Érguete,
meu pai, e come da caza do teu fillo, para que
me deas logo a túa bendición.
[32]O pai Isaac preguntoulle: –Ti quen es?
El respondeulle: –Son o teu primoxénito
Esaú.
[33]Isaac tremeu desde os pés á cabeza, e
preguntou: –Entón quen foi o que cazou a
caza e ma trouxo? Eu comín xa a fartar, antes
que ti chegases, bendicino e bendito quedará.
[34]En oíndo Esaú as palabras de seu pai,
bradou con ira e acedume e díxolle a seu pai:
–Bendíceme, meu pai, tamén a min.
[35]Díxolle el: –Veu teu irmán con engano e
marchou coa túa bendición.
[36]Dixo Esaú: –Por algo lle puxeron Xacob,
pois xa me suplantou por dúas veces. Levou-
me a primoxenitura e agora arrampla coa
miña bendición. Non che queda unha bendi-
ción tamén para min?
[37]Respondeulle Isaac: –Fíxeno señor teu,
deille por servos os irmáns, concedinlle trigo
e viño, que podo facer por ti agora, meu fillo?
[38]Esaú díxolle a seu pai: –E que non tes,
meu pai, máis ca unha bendición? Bendíce-
me, meu pai, tamén a min.
E rompeu a chorar a berros. [39]Isaac aten-
deuno e dixo:

–A túa morada estará lonxe
da fartura da terra
e do orballo do ceo.
[40]Vivirás da túa espada
e servirás a teu irmán.
Pero virá un tempo e serás libre:
tirarás o seu xugo
de enriba do teu pescozo.

[41]Esaú quedou aborrecendo a Xacob por
causa da bendición que lle dera seu pai. E
pensaba: O tempo do loito por meu pai xa se
aveciña. Entón matarei a meu irmán.
[42]Faláronlle a Rebeca das intencións de
Esaú, seu fillo maior, e mandou chamar ao
fillo máis novo, a Xacob, para dicirlle: –Mira
que teu irmán pensa vingarse e matarte. [43]Fai-
me, pois, caso, meu fillo. Ponte ao camiño e
fuxe a Harán, onda meu irmán Labán. [44]Que-
da onda el por algún tempo, ata que lle pase a
teu irmán a carraxe, [45]ata que se apague a súa
ira contra ti e se esqueza do que lle fixeches.
Xa mandarei eu buscarte. Por que tería que
perder a un tempo os dous fillos?
[46]Rebeca díxolle a Isaac: –Dóeme a alma,
por culpa destas hititas. Se tamén Xacob

**27**, 27-29 A bendición apunta á terra fértil e ao dominio. Ben seguro que por aí ía a ambición dos patriarcas; pero o autor da fórmula ten o pensamento, máis ca neles, nos numerosos descendentes, que están xa na terra das promesas e que someteron outros pobos (**22**, 17s; **25**, 23).
**27**, 35s Notas certeiras do carácter de Xacob, escritas no seu nome (**25**, 29-34; Os **12**, 4).
**27**, 41ss Xacob non creou pobo co que fixo; máis ben espertou o aborrecemento do irmán, que fixo a idea de matalo. O movemento da fuxida separa o ciclo da tradición de Xacob en Canaán do seguinte en Mesopotamia.
**27**, 46 O redactor sacerdotal dá por razón da viaxe a Mesopotamia a busca de muller na parentela.

toma muller de entre elas, de entre as fillas deste país, de que me serve aínda vivir?

### Xacob foxe a Mesopotamia

**28** [1]Isaac chamou a Xacob e bendiciuno. Coa mesma, deulle esta orde: –Non tomes unha cananea por muller. [2]Vaite a Padán-Aram, coa familia de Betuel, teu avó paterno, e toma muller de entre as fillas de teu tío Labán. [3]O Deus todopoderoso bendicirate, darache fecundidade e farate crecer; veraste convertido en moitas tribos. [4]Deus darache a bendición de Abraham, a ti e aos teus descendentes, herdarás a terra onde vives, a que Deus lle prometeu a Abraham.

[5]Isaac despediu a Xacob, e este foise a Padán-Aram, á casa de Labán, fillo de Betuel o arameo e irmán de Rebeca, a nai de Xacob e de Esaú.

[6]Soubo Esaú que Isaac bendicira a Xacob e que o mandara a Padán-Aram para que buscase alí muller e que ao bendicilo lle dixera que non casase cunha cananea; [7]e que Xacob obedecera a seu pai e súa nai e fora a Padán-Aram. [8]Entón decatouse Esaú de que as cananeas lle desagradaban a seu pai Isaac. [9]E, coa mesma, dirixiuse a Ismael e tomou por muller a Mahalat, filla de Ismael, fillo de Abraham, e irmá de Nebaiot.

### Soño de Xacob en Betel

[10]Xacob saíu de Beerxeba, camiño de Harán. [11]Chegado a certo lugar, parou para pasar alí a noite, pois xa se puxera o sol. Colleu alí mesmo unha pedra, púxoa de cabezal e deitouse a durmir. [12]No soño que tivo viu unha esqueira afincada na terra e co cimo tocando o ceo; por ela subían e baixaban os anxos de Deus. [13]Diante del viu o Señor en pé, que lle dicía: –Eu son o Señor, Deus de teu pai Abraham e Deus de Isaac. A terra onde estás deitado dareicha para ti e para os teus descendentes. [14]Os teus descendentes serán tantos coma o po. Estenderanse cara ao occidente e cara ao oriente, cara ao norte e cara ao sur. En ti e nos teus descendentes veranse benditos os pobos todos da terra. [15]Eu estarei contigo, gardareite onde queira que te atopes e traereite outra vez a este país. Non te abandonarei, namentres non cumpra o que che teño prometido.

[16]Ao espertar do soño dixo Xacob: –Abofé que está o Señor neste lugar e eu non o sabía. [17]E, tremendo, engadiu: –Que estarrecedor é este lugar! Non é senón unha casa de Deus e unha porta do ceo.

[18]Xacob ergueuse cedo, colleu a pedra que puxera de cabezal, erixiuna como estela e verteu aceite enriba dela. [19]Ao lugar púxolle o nome de Betel, aínda que o seu antigo nome era Luz. [20]Xacob fixo este voto: –Se Deus está comigo, se me garda nesta viaxe que emprendín, se me dá pan para comer e roupa para vestir [21]e me volve san e salvo á casa de meu pai, o Señor será o meu Deus, [22]e esta pedra que chantei de pé será unha casa de Deus. De todos os bens que me deas, pagareiche o décimo.

### Xacob na casa de Labán

**29** [1]Xacob púxose en camiño cara á terra dos orientais. [2]Nun campío viu un pozo e tres fatos de ovellas, deitadas ao pé del, pois no pozo abeberaban os rabaños. O pozo estaba cuberto por unha gran pedra. [3]Cando se xuntaban alí todos os rabaños, corrían a pedra que tapaba o pozo, abeberaban os rabaños e logo volvían a pedra ao sitio. [4]Xacob preguntoulles aos pastores: –Irmáns, de onde sodes?

Respondéronlle eles: –Somos de Harán.

[5]E el seguiu: –Coñecedes quizais a Labán, o fillo de Nahor?

Eles dixeron: –Coñecemos.

[6]El preguntoulles: –Está ben de saúde?

Eles dixeron: –Está ben. Alí chega a súa filla Raquel co seu rabaño.

[7]Xacob dixo: –Queda moito día por diante e non son horas de recoller o gando aínda. Abeberádeo e levádeo a pacer.

**28**, 6 O tema da mestura de Esaú con mulleres cananeas vén da tradición sacerdotal (**26**, 34s).

**28**, 10ss A tradición elohista gardou esta imaxe dun momento moi denso na historia de Xacob. A xeografía onde ten lugar esta revelación é a propia de Xacob, no centro de Canaán. Deus sorprende ao titán nun intre de debilidade e entra na conciencia de Xacob, que ata agora parecía o único protagonista da súa historia. A esqueira da visión parece ter en conta a imaxe dun cigurat, coma a torre de Babel (**12**, 2s; **15**, 5s; **26**, 4). Encontramos tamén neste relato do iavista a etioloxía do santuario de Betel, "porta do ceo", "casa de Deus".

**28**, 17ss Unha vez que Deus entra na vida de Xacob, este acólleo e ponse debaixo da súa protección. Xacob ponlle nome ao lugar, fai un voto e pide volver alí como ao seu centro (**35**, 6s; **48**, 3). O lugar xa se recorda na tradición de Abraham (**12**, 8; **13**, 4s); pero verdadeiramente é a terra de Xacob.

**29** A tradición iavista pintou a chegada de Xacob a Mesopotamia, terra dos seus antepasados, con cores parecidas á chegada de Moisés onda os madianitas (Éx **2**, 15-21) e á do criado de Abraham á mesma bisbarra de Harán (Xén **24**, 10ss). Xacob fuxía de Esaú, ao tempo que buscaba algo.

[8]Respondéronlle eles: –Non podemos, ata
que non se xunten todos os rabaños. Entón
corremos a pedra que tapa a boca do pozo e
tirámoslles a auga ás ovellas.
[9]Estaba Xacob falando con eles, cando
chegou Raquel coas ovellas de seu pai. Ela
era a pastora. [10]En vendo Xacob a Raquel,
filla de Labán seu parente, coas ovellas des-
te, botou a man á pedra que tapaba a boca
do pozo e correuna [11]e abeberou as ovellas
de Labán. Despois deulle un bico a Raquel
e rompeu a chorar. [12]Xacob díxolle a Raquel
que el era parente de seu pai e fillo de Re-
beca. E ela foi correndo dicirllo a seu pai.
[13]Cando Labán oíu as novas de Xacob, fillo
de súa irmá, correu ao seu encontro, abra-
zouno, bicouno e levouno á casa. Xacob con-
toulle a Labán todo o que lle acontecera. [14]E
Labán díxolle: –Somos da mesma carne e do
mesmo sangue.
Xacob quedou con el por un mes.

### Casamento de Xacob

[15]Labán faloulle a Xacob: –Vasme servir
de balde, por seres meu parente? Dime cal é
o teu xornal.
[16]Labán tiña dúas fillas, a máis vella cha-
mábase Lea e a máis nova Raquel. [17]Lea era
de ollos apagados, pero Raquel era fermosa
e aposta. [18]Xacob quería a Raquel e díxolle
a Labán: –Servireite sete anos por Raquel, a
túa filla máis nova.
[19]Respondeulle Labán: –Mellor darcha a
ti que non a un calquera. Fica, pois, comigo.
[20]Xacob serviu sete anos por Raquel e
parecéronlle uns poucos días, de tanto que
a quería. [21]Ao cabo deles díxolle a Labán:
–Dáme a miña muller, pois xa se cumpriu o
tempo e quero xuntarme con ela.
[22]Labán reuniu os homes do lugar e ofre-
ceu un xantar. [23]Chegada a noite, colleu a súa
filla Lea, meteuna na tenda de Xacob e este
durmiu con ela. [24]Labán deulle a serva Zilpah
á súa filla Lea. [25]Pola mañá decatouse Xacob
de que era Lea e díxolle a Labán: –Que é isto
que me fixeches? Non te servira por Raquel?
Por que me enganaches?
[26]Respondeulle Labán: –Onda nós non hai
costume de dar a filla máis nova antes ca a
máis vella. [27]Deixa pasar outra semana e da-
rémosche tamén a outra rapaza, polo servizo
de sete anos máis.
[28]Xacob deuno por bo e, ao cabo dunha se-
mana, Labán entregoulle por muller a súa fi-
lla Raquel. [29]A Raquel deulle por criada a súa
serva Bilhah. [30]Xacob levou tamén consigo a
Raquel, e queríaa máis que a Lea. E serviu a
Labán por outros sete anos.

### Os fillos de Xacob

[31]Visto que Lea era aborrecida, o Señor
fixo fecundo o seu ventre, mentres Raquel
era estéril. [32]Lea quedou embarazada e deu
a luz un fillo, ao que puxo por nome Rubén,
porque dicía: –O Señor ollou para a miña
aflición e agora quererame o meu home.
[33]Quedou de novo embarazada, deu a luz
outro fillo e exclamou: –O Señor oíu que era
aborrecida e deume estoutro.
E púxolle de nome Simeón. [34]Quedou
aínda embarazada, pariu outro fillo e dixo:
–Agora o meu home apegarase a min, pois
xa lle dei tres fillos.
Por iso lle puxo o nome de Leví. [35]Quedou
outra vez embarazada e deu a luz un cuarto
fillo, e dixo: –Arestora doulle as grazas ao
Señor.
Por iso lle puxo o nome de Xudá. E deixou
de ter fillos.

### Deus bendí o seo de Raquel

**30** [1]Vendo Raquel que non lle podía dar
fillos a Xacob e, celosa da súa irmá,
díxolle ao seu home Xacob: –Dáme fillos ou
morro.
[2]Xacob enfadouse con Raquel e díxolle:
–Estou eu no lugar de Deus, que che nega o
froito do ventre?
[3]Ela propúxolle: –Aí tes a Bilhah, a miña
serva. Achégate a ela, que dea a luz nos meus

**29**, 15ss Empeza a carreira de Xacob para conseguir pola súa forza o que conforme á promesa lle daría o Deus de Abraham: fillos e bens. O astuto Xacob atópase agora con Labán, outro que desde a legalidade se aproveita dos demais. Xacob gañaralle ao seu sogro en enganos.
**29**, 27s As festas do casamento duraban unha semana (Xuí **14**, 12. 17). Ao cabo dela Xacob podería casar con Raquel, irmá de Lea, feito que máis tarde a lei condenaría, para evitar xenreiras entre irmáns (Lev **18**, 18).
**29**, 31**-30**, 24 Os fillos de Xacob doce, mais Dinah aparecen nacendo da loita das dúas irmás, *Lea* e *Raquel*, pola preferencia do seu home e pola maternidade. A muller preferida por Xacob era estéril (como as outras nais do pobo, Sara e Rebeca), mentres a non preferida era a que lle daba fillos. Cada unha fixo o posible para alongar a súa maternidade, dándolle a Xacob por muller a súa serva respectiva, como tamén fixera Sara (**16**, 1s). A loita acéndese máis, cada vez que nace un neno, e déixase escrita nas etimoloxías populares que fixo o narrador de todos os fillos de Xacob: *Rubén*, "ollar para a aflición"; *Simeón*, "escoitar"; *Leví*, "apegarse"; *Xudá*, "dar grazas"; *Dan*, "facer xustiza";"; *Naftalí*, "loitar"; *Gad*, "boa sorte"; *Axer*, "felicidade"; *Isacar*, "pagar un xornal"; *Zebulón*, "respectar"; *Xosé*, "engadir". No fondo de todo está Xacob loitando por crear el mesmo o seu pobo.

xeonllos e así terei eu tamén fillos por medio dela.
4E deulle a súa serva Bilhah por muller e el achegouse a ela.5Bilhah quedou embarazada e deulle un fillo a Xacob. 6Raquel agradeceu: –Deus fíxome xustiza, escoitoume e deume un fillo.

E púxolle o nome de Dan. 7Bilhah, a serva de Raquel, quedou de novo embarazada e deulle un segundo fillo a Xacob. 8Raquel dixo: –Moito tiven que loitar coa miña irmá, pero puiden con ela. E chamou ao fillo Naftalí.

9Vendo Lea que deixara de ter fillos, colleu e deulle a Xacob a súa serva Zilpah por muller. 10Quedou embarazada e deulle un fillo a Xacob. 11Lea dixo: –Que boa sorte! E chamou ao fillo Gad.

12Zilpah, a serva de Lea, deulle outro fillo a Xacob. 13E Lea dixo: –Para a miña felicidade! Agora felicitaranme as mulleres. E chamou ao neno Axer.

14Na época da sega do trigo saíu Rubén ao agro. Atopou unhas mandrágoras e levoullas a Lea, súa nai. Raquel díxolle a Lea: –Dáme desas mandrágoras que trouxo o teu fillo.

15Respondeulle Lea: –Quizais che parece pouco quitarme o meu home, que queres tamén as mandrágoras do meu fillo?

Díxolle Raquel: –Ben: que durma contigo esta noite, en troco das mandrágoras.

16Á tardiña, ao volver Xacob do campo, saíulle Lea ao encontro e díxolle: –Achégate a min, pois adquirín o dereito a ti polas mandrágoras do meu fillo.

E Xacob deitouse con ela aquela noite. 17Deus escoitou a Lea, e esta quedou embarazada e deulle un quinto fillo a Xacob. 18Daquela dixo Lea: –Deus deume este pago, por terlle dado a miña serva ao meu home.

E púxolle ao neno o nome de Isacar. 19Lea quedou outra vez embarazada e deulle un sexto fillo a Xacob. 20Esta vez dixo: –Deus fíxome un bo regalo. Agora terame respecto o meu home, pois xa lle dei seis fillos. E chamou ao neno Zebulón.

21Despois deu a luz unha filla e púxolle de nome Dinah.

22Deus acordouse de Raquel, escoitouna e abriulle o seo. 23Quedou embarazada, deu a luz un fillo e dixo: –Deus quitou a miña aldraxe.

24E púxolle o nome de Xosé, pregando: –Engada o Señor outro fillo a este.

### Enriquecemento de Xacob

25Cando Raquel deu a luz a Xosé, díxolle Xacob a Labán: –Permíteme marchar para a miña patria, á miña terra. 26Dáme as mulleres polas que te servín e os meus fillos; quero irme. Ti sabes o ben que te servín.

27Respondeulle Labán: –Gustaría de merecer o teu favor. Adiviño que o Señor me bendiciu por causa túa. 28E engadiu: –Marca ti mesmo a soldada e pagareicha.

29Dixo Xacob: –Ti sabes como te servín e como lle foi comigo á túa facenda. 30O pouco que tiñas primeiro de vir eu, converteuse en abundancia. O Señor bendiciute ao meu paso. Agora terei que facer algo pola miña familia.

Preguntoulle Labán: 31–Que che teño que dar?

Xacob respondeu: –Non me deas nada. Fai o que che vou dicir e seguirei gardando o teu rabaño. 32Imos repasar agora mesmo o teu rabaño. Arredaremos del as ovellas listadas, as pintas e as mouras, e as cabras pintas e listadas. Iso será a miña soldada. 33O día de mañá, cando chegue a hora de me pagares, falará por min a miña honestidade. Se houbese cabras non listadas e pintas ou ovellas non escuras entre o meu, iso sería roubado.

34Labán respondeu: –Está ben como ti dis.

35Aquel mesmo día apartou Labán os castróns e as cabras listadas, pintas ou brancas, e todas as ovellas mouras e encomendóullelas aos seus fillos. 36Mandounos afastar unha distancia de tres días de camiño de onde estaba Xacob gardando o resto do rabaño de Labán.

37Xacob colleu entón varas verdes de bidueiro, de abeleira e de pradairo, e pelounas a tiras, de xeito que o branco das varas quedase ao descuberto. 38Puxo as varas peladas nas canles por onde corría a auga dos bebedoiros, para que cando viñese o rabaño beber e se emparellase alí mesmo, as tivese diante. 39O rabaño que se emparellaba coas varas á

**30**, 14 Á mandrágora recoñécenselle propiedades afrodisíacas e de fecundidade. En hebreo dise coa mesma palabra ca amor (“dudáim”).
**30**, 25ss O enriquecemento fai parte da promesa patriarcal: enténdese coma mostra da bendición de Deus. Xacob enriquécese por si mesmo, roubándolle os rabaños a Labán.
**30**, 37ss O texto está embarullado, pero a idea é clara. Xacob pide por soldada o que nace moi poucas veces: ovellas negras e cabras brancas. Polo xeral as ovellas son brancas e as cabras negras. Labán acepta, pensando que está facendo un bo trato. Pero Xacob converte a regra en excepción e a excepción en regra. Cando castróns e cabras se xuntan, ponlles á vista varetas peladas; cando o fan os carneiros e as ovellas, ponlles diante varas negras. Dese xeito cambia a cor dos animais que van nacer, no momento da fecundación.

vista, paría crías listadas e pintas. [40]Xacob apartaba os años, despois de que puxese as reses de cara para o que era pinto ou mouro no rabaño. Con iso fixo un fato á parte, que non deixaba xuntar co de Labán. [41]Cando se emparellaban as reses vigorosas, Xacob puña as varas nos bebedoiros á súa vista e emparellábanse diante delas. [42]Cos animais febles non as puña. Dese xeito, as crías febles eran para Labán e as fortes para Xacob. [43]Xacob fíxose moi rico. Chegou a ter moita facenda, servos, servas, camelos e burros.

### Xacob foxe de Labán

**31** [1]Xacob oíu que os fillos de Labán ían dicindo: –Xacob apoderouse da facenda de noso pai e fixo co que era noso unha fortuna.

[2]Xacob tivo medo de Labán, pois vía que xa non o trataba coma antes. [3]O Señor díxolle a Xacob: –Volve á terra de teus pais, á túa patria. Eu estarei contigo.

[4]Xacob mandou chamar a Raquel e a Lea ao monte onde estaba co gando. [5]E díxolles: –Observo que voso pai non me trata coma antes. Pero o Deus de meu pai estivo da miña parte. [6]Vós sabedes que eu teño servido ao voso pai con todas as miñas forzas. [7]Voso pai tratou de me enganar, mudándome dez veces a soldada. Pero Deus non lle permitiu facerme dano. [8]Se dicía: As crías listadas serán a túa soldada, todo o rabaño traía crías listadas. Se dicía: as crías pintas serán a túa soldada, todo o fato paría crías pintas. [9]Deus quitoulle o gando a voso pai e deumo a min. [10]Unha vez, no tempo en que se emparellan os fatos, tiven en soños esta visión: Os carneiros que montaban nas ovellas eran listados e pintos. [11]No soño o anxo de Deus chamou por min: "Xacob!". E eu respondín: "Aquí estou". [12]E el seguiu: "Ergue os ollos e fíxate: Todos os carneiros que montan nas ovellas son listados e pintos, porque eu teño visto o que Labán che leva feito. [13]Eu son o Deus de Betel, onde ti unxiches unha pedra e fixeches un voto. Agora disponte para saíres deste país e volver á terra onde naciches".

[14]Raquel e Lea respondéronlle: –Temos nós aínda algo que herdar na casa de noso pai? [15]Non nos tratou coma alleas, vendéndonos e comendo despois o noso prezo? [16]A riqueza que Deus lle tolleu a noso pai era nosa e de nosos fillos. E, con iso, agora fai o que Deus che mandou.

[17]Xacob púxose en movemento. Fixo montar en camelos os fillos e as mulleres, [18]recolleu toda a facenda e os bens que adquirira en Padán-Aram, e botouse ao camiño, para volver á casa de seu pai Isaac no país de Canaán. [19]Labán fora á rapa do gando, e Raquel rouboulle a seu pai os ídolos domésticos. [20]Xacob enganou a Labán o arameo, ao non deixarlle sospeitar que fuxiría. [21]Fuxiu, pois, Xacob con todo o que tiña, atravesou o río e camiñou na dirección da montaña de Galaad.

### Labán persegue a Xacob

[22]Pasados tres días, dixéronlle a Labán que Xacob escapara. [23]Levando consigo algúns parentes, Labán púxose a perseguilo. Aos sete días de camiño colleuno na montaña de Galaad. [24]Aquela noite Deus aparecéraselle en soños a Labán para dicirlle: –Ten coidado co que lle fas a Xacob.

[25]Cando Labán o alcanzou, Xacob plantara as súas tendas na montaña, e el plantou tamén as súas na montaña de Galaad. [26]Labán díxolle a Xacob: –Por que me enganaches? Por que me levaches as fillas, o mesmo que se fosen prisioneiras de guerra? [27]Por que fuxiches ás agachadas, finxindo, sen dicíresmo? Despediríate con festa e con cantos, con pandeiros e cítaras. [28]Non me deixaches sequera dar un bico aos meus fillos e ás miñas fillas: portácheste coma un parvo. [29]Teño poder de sobra para che facer mal. Pero o Deus de teu pai díxome onte á noite: "Ten coidado co que lle fas a Xacob". [30]Pero se te vas porque tes morriña pola casa de teus pais, por que me roubaches os meus deuses?

[31]Respondeulle Xacob: –Tiña medo, pensando que me quitases as túas fillas. [32]Mais aquel onda quen atopes os teus deuses será reo de morte. Busca ti mesmo, á vista da túa xente, e se atopas onda min algunha cousa túa, cóllea.

Xacob non sabía que Raquel roubara os deuses. [33]Labán entrou na tenda de Xacob, na de Lea e na das dúas servas; pero non atopou nada. Da tenda de Lea pasou á de Raquel. [34]Raquel collera os amuletos, puxéraos na albarda do camelo e sentárase enriba. Así, Labán remexeu a tenda toda, mais non atopou

**31** O elohista refire como Xacob fuxiu de onda Labán e como se xustifica.
**31**, 3 Unha palabra de Deus fai de tanto en tanto ver a providencia nesta historia titánica (**26**, 3; **28**, 15).
**31**, 13 Refírese á visión da escada en Betel (**28**, 18-22).
**31**, 19 Non se sabe ben que eran eses "amuletos" (Xuí **17**, 5; 1 Sam **19**, 13) e cal era o seu valor. Quizais eran ídolos domésticos e asegurábanlle a herdanza a quen os tiña.
**31**, 21 O río é o Éufrates.

cousa. 35Raquel díxolle a seu pai: –Non che pareza mal, señor, que non poida erguerme diante túa, pois veume a regra que temos as mulleres.

Labán rebuscou, pero non atopou os ídolos. 36Anoxado xa con Labán, Xacob recriminouno deste xeito: –Cal é a miña culpa e cal o meu delito, para que con tanto asañamento me persigas? 37Despois que rexistraches toda a miña equipaxe, atopaches algo teu? Pono aquí, á vista da miña familia e da túa e que eles xulguen entre nós. 38Levo vinte anos contigo. As túas ovellas e as túas cabras non perderon as crías, nin eu che comín os cordeiros do rabaño. 39Non che fun cunha res esnaquizada polas feras; iso foi sempre á miña conta. O roubado de día ou de noite esixíchesmo. 40Polo día comeume o sol, pola noite a xeada, e o sono fuxiu dos meus ollos. 41Dos vinte anos que levo na túa casa, catorce servinte polas túas dúas fillas e seis polos teus fatos e ti cambiáchesme dez veces a soldada. 42Se non estivese comigo o Deus de meu pai, o Deus de Abraham e Padriño de Isaac, despediríasme en baldeiro. Pero onte á noite Deus fixouse na miña aflición e no esforzo das miñas mans e fíxome xustiza.

43Labán respondeulle a Xacob: –As rapazas son miñas fillas, os seus fillos son meus, e meu é tamén o gando e todo o que ves. Que poderei facer eu agora por estas miñas fillas e polos fillos que elas deron a luz? 44Pero agora fagamos un pacto ti e mais eu e que sirva de testemuño entre os dous.

Xacob colleu unha pedra e erixiuna como estela. 45E díxolle á súa xente: –Collede aquí pedras.

46Eles xuntáronas, amoreáronas nunha mámoa e comeron onda ela. 47Labán púxolle o nome de Iegar-Sahadutá e Xacob chamoulle Galaad. 48Labán dixo: –Esta mámoa é hoxe testemuña entre min e ti.

Por iso nomeouna Galaad. 49Tamén a chamou Torre de Garda, pois dixo: –Que o Señor nos vixíe aos dous, cando nos vexamos afastados un do outro. 50Se maltratas as miñas fillas e se tomas outras mulleres fóra delas, aínda que ninguén o vexa, Deus será testemuña entre nós.

51E dixo tamén Labán: –Velaí esta mámoa e esta estela que erixín entre min e ti. 52Sexa testemuña esta mámoa e testemuña esta estela de que nin eu as traspasarei cara ao teu lado, nin ti cara ao meu, para nos facermos mal. 53O Deus de Abraham e o Deus de Nahor, Deus de nosos pais, xulgue entre nós.

E Xacob xurou polo Padriño de Isaac seu pai. 54Xacob ofreceu un sacrificio e pasaron a noite na montaña.

### A despedida de Labán

**32** 1Labán ergueuse cedo, bicou as súas fillas e os seus netos, bendiciunos e deu volta para a casa. 2Xacob seguiu o seu camiño, atopouse cos anxos de Deus 3e, en véndoos, exclamou: –Campamento de Deus é este.

E púxolle a aquel lugar o nome de Mahanaim.

### Xacob ten medo de Esaú

4Xacob mandou por diante mensaxeiros a seu irmán Esaú, no país de Seir nos campos de Edom. 5Encargoulles que lle dixesen a Esaú: –Meu señor, isto di Xacob o teu servidor: Estiven vivindo con Labán e demoreime ata agora. 6Teño bois, ovellas, servos e servas; e mándollo dicir ao meu señor para pedirlle o seu favor.

7Volveron os mensaxeiros e dixéronlle a Xacob: –Chegamos e atopámonos con teu irmán Esaú. El vén tamén ao teu encontro con catrocentos homes.

8A Xacob entroulle moito medo e, estarrecido, dividiu en dous campamentos a súa xente, as ovellas, os bois e os camelos. 9Pensaba desta maneira: Se Esaú se mete nun campamento e o ataca, salvarase o outro. 10E Xacob fixo esta oración:

**31**, 42 *Padriño*, parente, ou quizais "Terror de Isaac" (v. 53).
**31**, 44 As versións iavista e elohista mestúranse para referir este pacto, que abrangue dous motivos: que Xacob trate ben as fillas de Labán e que ningún dos dous pase as fronteiras para agredir ao outro. É un pacto de fronteiras entre arameos e hebreos.
**31**, 47 *Mámoa do testemuño*, iso é o que significa no arameo de Labán *Iegar sahadutá*, e no hebreo de Xacob, *Galaad*.
**31**, 49 *Torre de Garda*: "Mispah" é outro nome do lugar.
**31**, 53s O rito do pacto require a invocación dos deuses das dúas partes, como testemuñas e garantes. Logo complétase o rito coa comida de comuñón.
**32**, 3 En xogo con este nome do lugar, Mahanáim, "campamentos", dise logo que a familia e os bens de Xacob formaban dous campamentos (vv. 8. 11).
**32**, 4 Libre ao fin de Labán, Xacob vólvese atopar na esfera inimiga de Esaú, o irmán forte ofendido. A tradición iavista (vv. 4-13) e a elohista (vv. 14-22) contan como Xacob prepara o tan temido encontro. A forza bruta ofendida cede diante as boas formas e os dons.
**32**, 10ss Outra vez é na hora do medo e da experiencia da propia debilidade, cando Deus entra ás vistas na historia de Xacob, ou cando este se volve a Deus en oración; nesta invoca a promesa no seu favor (**28**, 10ss).

Deus de meu pai Abraham, Deus de meu pai Isaac, Señor que me dixeches: "Volve á patria onde naciches: eu farei que che vaia ben". [11]Son indigno de tantos favores e da gran lealdade con que ti trataches o teu servo. Con só o meu caxato pasei este Xordán, e agora traio dous campamentos. [12]Líbrame do poder de meu irmán, das mans de Esaú, pois teño moito medo de que chegue e nos mate a min e ás nais, xunto cos fillos. [13]Mais ti tesme prometido: "Farei que che vaia moi ben e aumentarei os teus descendentes coma a area do mar, que non se pode contar de tanta que é".

### Agasallos para o irmán

[14]Xacob pasou alí aquela noite. Do que tiña á man colleu regalos, para agasallar a Esaú, seu irmán: [15]duascentas cabras, vinte castróns, duascentas ovellas, vinte carneiros, [16]trinta camelas paridas coas súas crías, corenta vacas, dez touros, vinte asnas e dez burros. [17]Repartiunos en fatos, cada un ao cargo dun criado, e mandoulles: –Pasade diante de min e deixade un espazo entre fato e fato.

[18]Ao primeiro mandoulle: –Cando te encontres con meu irmán Esaú e el che pregunte: "De quen es ti, onde vas, para quen é iso que levas?", ti diraslle: [19]"É un agasallo que o teu servo Xacob manda ao meu señor Esaú. El vén tamén detrás de nós".

[20]Iso mesmo ordenoullo ao segundo e a todos os que ían guiando os outros fatos: –Dirédeslle todos iso a Esaú, cando o encontredes. [21]E dirédeslle tamén: "O teu servo Xacob vén tras de nós".

Pensaba deste xeito: Acalmareino cos agasallos que lle mando por diante. Logo, cando eu chegue onda el, quizais me acolla ben. [22]Os regalos foron diante, e el durmiu no campamento aquela noite.

### Xacob loita co anxo

[23]Xacob ergueuse de noite, colleu as dúas mulleres, as dúas servas e os once fillos e atravesou o vao do Iaboc. [24]Despois que os pasou a eles, fixo pasar toda a facenda. [25]Xacob quedou só. Un home loitou con el ata o amañecer. [26]En vendo o home que non podía nel, feriuno, no medio da loita, na articulación da coxa e escordoulla. [27]Logo díxolle: –Déixame marchar, que xa rompe o día.

Respondeulle Xacob: –Non te deixarei, namentres non me bendigas.

[28]Preguntoulle el: –Como te chamas?

Respondeulle: –Xacob.

[29]Díxolle el: –Desde hoxe non te chamarás Xacob, senón Israel, porque loitaches con Deus e cos homes e puidéchesslles.

[30]Preguntoulle Xacob: –Dime agora o teu nome.

El dixo: –Por que preguntas polo meu nome?

E deulle alí mesmo a bendición. [31]Xacob púxolle a aquel lugar o nome de Penuel, porque dicía: Vin a Deus cara a cara e puiden seguir vivindo. [32]Cando atravesaba Penuel saía o sol e el ía coxo dunha perna. [33]Por iso os israelitas non comen o tendón da articulación da coxa ata o día de hoxe, por ser Xacob ferido nel.

### Encontro de Xacob con Esaú

**33** [1]Xacob ergueu os ollos e viu vir a Esaú con catrocentos homes. El repartiu os nenos entre Lea, Raquel e as dúas servas. [2]Puxo diante as dúas servas cos seus fillos, logo a Lea cos seus e detrás de todos a Raquel con Xosé. [3]El pasou diante de todos, e foise prostrando por terra sete veces. Ata que chegou onda o seu irmán. [4]Esaú correu ao seu encontro, apertouno, abrazóuselle ao pescozo e bicáronse chorando. [5]Logo Esaú ergueu os ollos e vendo as mulleres e os nenos, preguntou: –Quen che son eses?

Xacob respondeulle: –Son os fillos que Deus lle concedeu ao teu servo.

[6]Adiantáronse cara a eles as servas cos seus fillos e prostráronse no chan. [7]Despois achegouse Lea cos seus fillos e prostrouse

**32**, 25ss Este relato iavista da loita de Xacob esconde debaixo un costume de culto ao nume sagrado do río. Quen se atreva a pasalo sen o seu consentimento e o seu favor, exponse a un tropezo cargado de perigo. Xacob loita con el coma cun home; pero, cando se decata da súa numinosidade, require o seu nome e pide a súa bendición. Para o narrador iavista o nume non é outro que Iavé, que cambia o nome de Xacob polo de Israel e que o bendí.

**32**, 29 O nome *Israel*, que significa "Deus é forte", é lido aquí coma "o que é forte fronte a Deus", referíndose a Xacob , que loitou con el e case o venceu. Aquí está a resposta de Deus á oración de Xacob: o que é forte fronte a Deus, non ten que ter medo dos homes (léase Esaú). Isto é tamén a etioloxía do nome do pobo de "Israel". Neste episodio xúntanse quizais tradicións que se referían a dúas persoas diferentes, unha Xacob e outra Israel.

**32**, 31 O nome do lugar *Penuel* ou Peniel, "cara de Deus", ten nesa loita de Xacob a súa lenda etiolóxica. Foi un santuario importante na bisbarra de Galaad. Ver a Deus e non morrer, ou ver a Deus na condición de mortal é unha grande mostra de favor (Éx **33**, 20).

**33** Relato iavista do encontro dos irmáns. O bo remate do encontro viña xa agoirado pola bendición de Deus e polo cambio de nome de Xacob. Xacob é o de sempre, agasallador, arteiro, como servidor de seu irmán, pedíndolle perdón, pero tomando todas as medidas para o caso peor.

tamén. Ao cabo viñeron Xosé e Raquel e tamén se prostraron. 8Preguntou Esaú: –Que pretendes con esa caravana que vin encontrando?

Respondeu el: –Merecer o favor do meu señor.

9Dixo Esaú: –Teño abondo, irmán. Queda co que é teu.

10Xacob insistiu: –Non, meu señor. Se merezo o teu favor, acepta o meu regalo, pois o verte foi para min coma se vise o rostro de Deus. Acollíchesme con afecto. 11Acepta eses bens que trouxen para ti, pois Deus favoreceume e teño abundancia de todo.

Xacob insistiu tanto, que Esaú aceptou. 12Logo dixo Esaú: –Agora emprendamos a viaxe. Eu irei ao teu lado.

Respondeulle Xacob: 13–O meu señor dáse conta de que os nenos son febles e que comigo van ovellas e vacas de cría. Se os obrigo de máis, morrerame nun só día o gando todo. 14Que o meu señor pase diante do seu servo. Eu seguireino pouco a pouco. Ao paso da caravana que camiña en cabeza e ao paso dos nenos, ata que cheguemos a Seir, onda o meu señor.

Esaú dixo: 15–Polo menos deixarei contigo uns poucos dos meus homes.

Respondeulle Xacob: –Para que? Chégame con saber que conto co favor do meu señor.

16Esaú emprendeu a viaxe de volta para Seir 17e Xacob colleu o camiño de Sucot. Alí fixo morada para si e cabanas para o gando. Por iso púxolle ao lugar o nome de Sucot.

18Desde Padán-Aram, Xacob chegou san e salvo a Xequem, no país de Canaán. Acampou fronte á cidade. 19O sitio onde montou as súas tendas compróullelo por cen moedas aos fillos de Hamor, pai de Xequem. 20Alí construíu un altar e invocou ao Deus de Israel.

### Aldraxe a Dinah

**34** 1Dinah, a filla que Lea lle dera a Xacob, saíu visitar as rapazas do lugar. 2En véndoa Xequem, fillo do hivita Hamor, xefe daquel país, agarrouna, deitouse con ela e violouna. 3Namorado da filla de Xacob, tolo de amor por ela, faloulle ao corazón. 4Logo díxolle a seu pai Hamor: –Adquíreme para muller esa rapaza.

5Xacob recibiu a nova da aldraxe de Dinah, súa filla. Pero como os seus fillos estaban no monte co gando, calou ata que viñesen. 6Hamor, o pai de Xequem, foi ver a Xacob para falarlle. 7Os fillos de Xacob volvían entón do monte e oíron o feito. Doéronse e alporizáronse moitísimo de que unha infamia así se cometese contra Israel. Hai cousas que non se fan, como a de violar a filla de Xacob. 8Hamor faloulles deste xeito: –Meu fillo Xequem namorouse da vosa filla. Dádella, se podedes, por muller. 9Emparentade connosco, dádenos das vosas fillas e vós tomade das nosas. 10Podedes facer morada onda nós. A terra está aí, á vosa disposición. Habitade nela, sacádelle proveito, adquiride posesións.

11Xequem, pola súa parte, díxolles ao pai e aos irmáns de Dinah: –Que eu mereza o voso favor, e dareivos o que queirades. 12Fixade un dote alto, reclamade regalos. Dareivos o que pidades, con tal de que me deades a rapaza por muller.

13Os fillos de Xacob, á vista da aldraxe á irmá, responderon con retranca a Xequem e a seu pai Hamor: 14–Non podemos facer iso de dar a nosa irmá a un home non circuncidado. Sería para nós unha baixeza, cousa deshonrosa. 15Poderemos só consentir, coa condición de que vós fagades coma nós, circuncidando todos os homes. 16Entón darémosvos as nosas fillas e nós tomaremos as vosas. Habitaremos convosco e faremos un mesmo pobo. 17Pero se non vos avindes á circuncisión, colleremos a rapaza e irémonos.

18A proposta pareceulles ben a Hamor e a seu fillo Xequem. 19O mozo Xequem non esperou para cumprir a condición, de namorado que estaba da filla de Xacob. El era o máis respectado da familia de seu pai. 20Ha-

**33**, 10 Xacob quedou con vida diante do irmán, como quedara tamén diante de Deus; xogo co nome de Penuel (**32**, 32).

**33**, 14 Xacob non lle perdeu aínda o medo a Esaú e prefire que os separe o camiño; ao perdelo de vista, el collerá outra dirección: non cara a Seir, senón cara a Canaán.

**33**, 19 Con esa compra adquire Xacob propiedade na terra, como un día Abraham (c. **23**); nesa propiedade enterrarase o seu fillo Xosé (Xos **24**, 32).

**34** O relato refire a violación de Dinah, filla de Xacob, polo fillo do rei de Xequem, e a conseguinte vinganza dos irmáns de Dinah, Simeón e Leví. A esta historia persoal sobreponse unha historia de tribos seminómades que por un feito de violencia contra os habitantes sedentarios do país se ven obrigados a emigrar. Neste segundo nivel o relato ten un valor de carácter histórico, para reconstruír o pasado das tribos de Simeón e de Leví, que quedaron sen terra e tiveron que desprazarse cara ao sur. Na boca de Xacob puxo o historiador unha maldición para estes fillos, que pola súa violencia o indispuxeron cos habitantes do país (**49**, 5-7).

mor e seu fillo Xequem foron logo á porta da cidade e faláronlles aos xequemitas: [21]–Estes homes son xente de paz. Que habiten na nosa terra, que lle saquen proveito, pois vedes que a terra é abondosa. Nós tomaremos mulleres das súas fillas e darémoslles a eles das nosas. [22]Pero esa xente avirase só a habitar connosco e a facer un mesmo pobo, se circuncidamos todos os homes, como tamén eles o fan. [23]As súas facendas, as súas posesións, os seus gandos, serán nosos. Soamente temos que avirnos á súa condición. Entón morarán connosco.

[24]Todos os que pasaban polas portas da cidade acollían a proposta de Hamor e do seu fillo Xequem. E circuncidáronse todos os homes.

### Vinganza de Simeón e de Leví

[25]Tres días despois de se circuncidaren os xequemitas, doentes aínda da operación, dous dos fillos de Xacob, Simeón e Leví, irmáns de Dinah, colleron as súas espadas, entraron na cidade que se cría segura e mataron a todos os homes. [26]Mataron tamén a fío de espada a Hamor e ao seu fillo Xequem. Tiraron do pazo a Dinah súa irmá e saíron con ela.

[27]Os demais fillos de Xacob botáronse sobre os despoxos e roubaron a cidade onde fora aldraxada súa irmá. [28]Levaron consigo ovellas, vacas, burros e todo o que había na cidade e nos campos. [29]Colleron como presa os bens, os nenos, as mulleres, roubaron todo o que había nas casas. [30]Xacob díxolles a Simeón e a Leví: –Botástesme a perder, facéndome noxento para os habitantes desta terra, cananeos e pericitas. Eu teño pouca xente. Se eles se xuntan contra min e me atacan, acabarán comigo e coa miña familia.

[31]Dixeron eles: –Habían tratar a nosa irmá coma unha calquera?

### Xacob en Betel

**35** [1]Deus díxolle a Xacob: –Vai, sube a Betel, asenta alí e fai un altar ao Deus que se che apareceu, cando ías fuxindo de teu irmán Esaú.

[2]Xacob mandoulles á súa familia e a toda a súa xente: –Retirade os deuses alleos que teñades, purificádevos e mudádevos de roupa. [3]Imos subir a Betel, para levantar alí un altar ao Deus que me gardou cando eu andaba apurado e que estivo comigo na viaxe que fixen.

[4]A xente entregou a Xacob os deuses alleos que tiñan e os brincos que levaban nas orellas e Xacob enterrounos debaixo do carballo que está onda Xequem. [5]En canto se puxeron de camiño, un medo de Deus invadiu todas as vilas do arredor, de xeito que ninguén perseguiu aos fillos de Xacob. [6]Xacob chegou a Luz, hoxe Betel, en terra de Canaán, e con el a súa xente. [7]Construíu alí un altar e púxolle ao lugar o nome de Betel, porque se lle apareceu Deus alí, cando fuxía de seu irmán. [8]Daquela morreu Déborah, a ama de leite de Rebeca, e enterrárona por baixo de Betel, ao pé do carballo coñecido por carballo do pranto.

### A promesa patriarcal

[9]Deus aparecéuselle a Xacob, á volta de Padán-Aram, bendiciuno [10]e díxolle: –O teu nome é Xacob. Pero non seguirás levando o nome de Xacob, senón o nome de Israel.

E chamouno Israel. [11]Deus engadiu: –Eu son o Deus todopoderoso. Ti reprodúcete e medra. De ti sairá un pobo ou unha chea de pobos, e reis nacerán das túas entrañas. [12]A terra que eu lle dei a Abraham e a Isaac, doucha tamén a ti e daréillela aos teus descendentes.

[13]Deus retirouse do lugar onde falara con Xacob. [14]Xacob erixiu unha estela de pedra no lugar onde Deus lle falara, verteu enriba dela unha libación e unxiuna con óleo. [15]E púxolle a aquel lugar onde Deus lle falou o nome de Betel.

### Morte de Raquel

[16]Xacob saíu coa súa xente de Betel, e cando lles faltaba un treito curto para chegaren a Efrátah, Raquel sentiu que ía dar a luz. O parto resultou moi traballoso. [17]Nos apuros do parto díxolle a parteira: –Non teñas medo. Tes un neno.

**34**, 22s Se non fallara ao final, sería unha asimilación completa, con mestura de bens e mesmo de sangue.
**35**, 1 Xacob volve a Betel, onde Deus lle falara e a onde lle prometera traelo outra vez con ben (**28**, 10-22). Vese cumprida a promesa. Xacob, pola súa parte, ten tamén un voto que cumprir.
**35**, 2 As ordes de Xacob significan unha renuncia aos deuses alleos (Xos **24**, 23) e unha purificación como para unha peregrinación (Éx **19**, 10. 14).
**35**, 5 O medo ao pobo que pasa, adianta o tema da conquista e da guerra santa (Xos **10**, 10; Xuí **4**, 15).
**35**, 9ss Versión sacerdotal da promesa para Xacob, nos termos da de Abraham (c. **17**).

18E ela, saíndoselle a alma, pois estaba
morrendo, púxolle ao neno o nome de Fillo
da miña dor. Pero seu pai chamoulle Benxa-
mín. 19Raquel morreu e enterrárona no ca-
miño de Efrátah, que é Belén. 20Enriba do
seu sepulcro erixiu Xacob unha estela. É o
monumento funerario de Raquel, que existe
aínda hoxe. 21Israel marchou de alí e montou
as tendas máis alá de Migdal-Éder.

### Os fillos de Xacob

22Estando Israel naquela terra, achegouse
Rubén a Bilhah, concubina de seu pai. A cou-
sa chegou a oídos de Israel.

Os fillos de Xacob foron doce.

23De Lea tivo a Rubén o primoxénito, Si-
meón, Leví, Xudá, Isacar e Zebulón. 24De
Raquel tivo a Xosé e Benxamín. 25De Bilhah,
serva de Raquel, a Dan e Naftalí; 26e de Zil-
pah, serva de Lea, a Gad e Axer.

Estes son os fillos que tivo Xacob en Pa-
dán-Aram.

### Morte de Isaac

27Xacob chegou á casa de seu pai Isaac,
en Mambré, en Quiriat-Arbá, hoxe Hebrón,
onde viviran Abraham e Isaac. 28Isaac viviu
cento oitenta anos. 29A esa idade expirou.
Morreu e foise xuntar cos seus, vello e satis-
feito de vivir. Enterrárono os seus fillos Esaú
e Xacob.

### Os descendentes de Esaú e de Seir

**36** 1Esta é a historia dos descendentes de
Esaú, que é Edom. 2Esaú tomou mu-
lleres de entre as cananeas: Adah, filla de
Elón o hitita; Oholibamah, filla de Anah, fillo
de Sibón o hurrita; 3e Basemat, filla de Is-
mael e irmá de Nebaiot. 4Adah deulle a Esaú
a Elifaz; Basemat, a Reuel; 5e Oholibamah, a
Ieux, Ialam e Córah. Estes son os fillos que
lle naceron a Esaú en Canaán. 6Esaú colleu as
súas mulleres, os seus fillos e fillas, a xente
toda da súa casa, os fatos, os gandos e todos
os bens que adquirira en Canaán e foi a ou-
tro país, por mor de Xacob seu irmán. 7As
posesións dos dous eran tantas, que non po-
dían vivir xuntos. A terra onde habitaban non
podía sostelos, pola grandeza dos seus fatos.
8Esaú asentou na montaña de Seir. Esaú é
Edom.

9Esta é a historia de Esaú, pai de Edom, na
montaña de Seir.

10Estes son os nomes de seus fillos: Eli-
faz, fillo de Adah, muller de Esaú; Reuel,
fillo de Basemat, outra muller de Esaú. 11Os
fillos de Elifaz foron: Temán, Omar, Sefó,
Gatam e Quenaz. 12Elifaz, fillo de Esaú, tivo
por concubina a Timná, que lle deu a Ama-
lec. Todos estes viñan de Adah, muller de
Esaú. 13E estes agora son os fillos de Reuel:
Nahat, Zérah, Xamah e Mizah. Estes viñan
de Basemat, muller de Esaú. 14Os fillos de
Oholibamah, filla de Anah, fillo de Sibón,
os que lle deu a Esaú foron: Ieúx, Ialam e
Córah.

15Estes agora son os xefes dos descenden-
tes de Esaú: Fillos de Elifaz, o primoxénito
de Esaú, estes xefes: Temán, Omar, Sefó,
Quenaz, 16Córah, Gatam e Amalec. Os di-
tos son os xefes, fillos de Elifaz, no país de
Edom, fillos de Adah. 17Fillos de Reuel, fillo
de Esaú, estes xefes: Nahat, Zérah, Xamah e
Mizah. Os ditos son os xefes, fillos de Reuel,
no país de Edom, os que lle deu Basemat
a Esaú. 18Fillos de Oholibamah, muller de
Esaú, estes xefes: Ieúx, Ialam e Córah. Os
ditos son os xefes, fillos de Oholibamah, filla
de Anah, muller de Esaú. 19Todos estes son os
fillos de Esaú, que é Edom, e os seus xefes.

20Os fillos de Seir o hurrita, que habitaban
de antes no país, son: Lotán, Xobal, Sibón,
Anah, 21Dixón, Eser e Dixán. Os ditos fo-
ron os xefes hurritas, fillos de Seir, na terra

**35**, 18 *Fillo da miña dor*, "Ben-oní", sería un nome de mal agoiro, sen que se faga eco xusto do transo que pasa a nai; de aí o cambio do nome en Benxamín, "fillo da miña destra".

**35**, 20 Etioloxía do monumento funerario que se atopa preto de Belén e que garda o nome de Raquel (Xer **31**, 15; Miq **5**, 1).

**35**, 21 *Migdal-Éder*, "Torre do rabaño", preto do outeiro de Sión, onde máis tarde foi edificado o templo.

**35**, 22 Un dato negativo do primoxénito dos fillos de Xacob; este recordarallo, á hora de dicirlle a palabra derradeira (**49**, 3s).

**35**, 27ss Aquí cérrase o circo dos camiños de Xacob; saíra da casa de seu pai e volve a ela. A tradición sacerdotal retarda a morte de Isaac ata esta hora. E refírea coas fórmulas coas que describe a de Abraham (**25**, 8s).

**36**, 1 Listas de clans e de tribos edomitas, descendentes de Esaú; na mesma terra hai outros clans e outras tribos, que descenden de Seir, da poboación primitiva do país (1 Cro **1**, 35. 43-54).

**36**, 2 Ao feito de tomar mulleres cananeas referiuse xa outras veces como dato negativo de Esaú (**26**, 34s; **28**, 8s). *Fillo de Sibón*, en vez de "filla"; tamén no v. 14.

**36**, 6s A versión sacerdotal non fala da inimizade entre os dous irmáns; atribúe a separación ao feito de teren os dous moitos rabaños, razón tamén da separación entre Abraham e Lot (**13**, 5-9).

**36**, 20 A poboación primitiva de Edom-Seir eran os hurritas; os edomitas botáronos fóra do país (Dt **2**, 12. 22).

de Edom. [22]Os fillos de Lotán foron: Horí e Hemam; e a súa irmá foi Timná. [23]Os fillos de Xobal foron: Alván, Manáhat, Ebal, Xefó e Onam. [24]Os fillos de Sibón foron: Aiah e Anah. Este Anah é o que atopou auga no deserto, cando gardaba os burros de seu pai Sibón. [25]Os fillos de Anah foron: Dixón e a filla Oholibamah. [26]Os fillos de Dixón foron: Hemdán, Exbán, Itrán e Querán. [27]Os fillos de Éser foron: Bilhán, Zaaván e Acán. [28]Os fillos de Dixán foron: Us e Arán.

[29]Estes foron os xefes dos hurritas: Lotán, Xobal, Sibón, Anah, [30]Dixón, Éser e Dixán. Estes foron os xefes de clans no país de Seir.

[31]Agora os reis que reinaron na terra de Edom, antes que os israelitas tivesen o seu rei: [32]En Edom reinou Bela, fillo de Beor; a súa cidade chamábase Dinhabah. [33]Morto Bela, reinou Iobab, fillo de Zérah, de Bosrah. [34]Morto Iobab, reinou Huxam, do país dos temanitas. [35]Morto Huxam, reinou Hadad, fillo de Bildad, que venceu a Madián nos campos de Moab; a súa cidade chamábase Avit. [36]Morto Hadad, reinou Samlah, de Masrecah. [37]Morto Samlah, reinou Xaúl, de Rebobot do Río. [38]Morto Xaúl, reinou Baal-Hanán, fillo de Acbor. [39]Morto Baal-Hanán, fillo de Acbor, reinou Hadar; a súa cidade era Pau e a súa muller chamábase Mehetabel, filla de Matred, filla de Mezahab.

[40]Estes son os nomes dos xefes dos descendentes de Esaú, segundo as súas familias, os seus lugares e os seus nomes: Timná, Alvah, Ietet, [41]Oholibamah, Elah, Pinón, [42]Quenaz, Temán, Mibsar, [43]Magdiel e Iram.

Estes foron os xefes de Edom, segundo os seus lugares de morada, na terra da súa posesión. Este foi Esaú, pai de Edom.

## XOSÉ E SEUS IRMÁNS

### Os soños de Xosé

**37** [1]Xacob estableceuse na terra de Canaán, a onde seu pai peregrinara. [2]E esta é agora a historia da familia de Xacob.

Cando Xosé era un rapaz de dezasete anos e gardaba o gando cos irmáns, fillos de Bilhah e de Zilpah, mulleres de seu pai, chegou un día e acusounos diante deste dun mal feito.

[3]Israel quería a Xosé máis ca a ningún dos fillos, porque lle nacera na vellez. E encargou para el unha túnica de mangas. [4]Seus irmáns, ao dárense conta de que seu pai o prefería, colléronlle xenreira e non podían falar de boas con el. [5]Xosé tivo un soño e contóullelo aos irmáns, polo que estes o aborreceron aínda máis. [6]Díxolles el: –Escoitade o que soñei. [7]Parecíame que estabamos na eira atando monllos. Nisto o meu monllo levantouse e tíñase ergueito; os vosos, en troques, rodeábano e prostrábanse diante del.

[8]Dixéronlle os irmáns: –Seica queres ser o noso rei e fas conta de dominarnos?

E aborrecérono aínda máis, por culpa dos soños e da súa interpretación. [9]Tivo Xosé outro soño e contóullelo tamén aos irmáns: –Tiven estoutro soño: O sol, a lúa e once estrelas prostrábanse diante de min.

[10]Cando llelo contou a seu pai e a seus irmáns, o pai reprendeuno: –Que clase de soño é ese? Teremos que vir e prostrarnos diante de ti eu, túa nai e teus irmáns?

[11]Os irmáns tíñanlle envexa, pero seu pai gardaba a cousa para el.

**36**, 24 *Auga*, pode tratarse de augas termais.
**36**, 31 *Antes que os israelitas...*, tamén se pode entender: "Antes que reinase un rei israelita sobre Edom".
**37** A tradición sacerdotal chámalle "historia de Xacob" á historia da súa familia. Para ben dicir, non se trata, de feito, da historia da familia, por estar concentrada a historiografía nun dos fillos, Xosé; dos outros irmáns temos soamente algúns episodios illados (Xén **38**, 49). Fóra diso vémolos xirar ao redor de Xosé; tamén o pai Xacob aparece agora enteiramente en función dos fillos e en maior medida de Xosé. Con esta historia pasamos das coroas de sagas e de lendas, que falan dos tres grandes patriarcas, á verdadeira arte narrativa de grandes tramos de historia. Para o encadramento xeográfico e cultural da acción do drama, os autores dispuñan dun discreto coñecemento de Exipto. Non acoden para todo á acción de Deus, senón que mostran en xogo as paixóns humanas, os sentimentos e outras motivacións intrahistóricas. Iso non quere dicir que esta non sexa historia teolóxica; pero a acción de Deus sinálase acochada nas causas naturais e nas históricas. Atopamos aquí as grandes liñas da promesa patriarcal: a formación do pobo, o tema da terra e o da bendición. Uns poucos lugares no texto desta historia fan ver os acontecementos de toda ela alumada pola luz da providencia (Xén **45**, 5-8; **50**, 20).
**37**, 3ss *Túnica de mangas*: de ricos e nobres; as de traballo non tiñan mangas. A preferencia do menor é un dato que lle gusta ao iavista sinalar. Os soños non son visións de Deus, senón aviso de acontecementos e de feitos. A superioridade de Xosé non se reduce ao campo da riqueza ou do dominio; máis ca niso, está na función que cumprirá no proxecto de Deus de axudar a saír adiante ao seu pobo. Mais iso non lle quita de ser motivo de envexa e de xenreira entre irmáns.

### A vinganza dos irmáns

12Os irmáns de Xosé foran para Xequem
apacentar os rabaños de seu pai. 13Israel díxo-
lle a Xosé: –Teus irmáns estarán co gando en
Xequem. Ven, que te vou mandar onda eles.
Xosé respondeulle: –Aquí me tes.
14Israel díxolle: –Vai ver se están ben teus
irmáns e o gando e logo tráesme as novas.
Despediuno no val de Hebrón, e el mar-
chou para Xequem. 15Cando andaba dando
voltas, perdido polo monte, encontrouno un
home e preguntoulle: –Ti que buscas?
16Respondeu el: –Busco a meus irmáns.
Dime, se podes, onde andan co gando.
17O home díxolle: –Fóronse de aquí. Oín-
lles dicir: "Vaiámonos a Dotán".
Xosé foi tras eles, e atopounos en Dotán.
18Vírono eles desde lonxe e, antes de que
chegase, matinaron matalo. 19Dicíanse uns
aos outros: –Aí vén ese soñador. 20Imolo
matar agora mesmo. Botarémolo nun pozo
e diremos que unha fera salvaxe o devorou.
Veremos en que paran os seus soños.
21En oíndo isto Rubén, tratou de libralo
das súas mans e propuxo: –Non lle quitemos
a vida. 22E engadiu, coa intención de salvalo
e de volverllo a seu pai: –Non vertades o seu
sangue. Botádeo nunha cisterna do deserto,
pero non poñades as mans nel.
23En chegando Xosé onda os irmáns, estes
quitáronlle a túnica, aquela túnica de mangas
que levaba posta 24e despois guindárono na
cisterna. Pero esta non tiña auga.

### Xosé vendido para Exipto

25Sentados para comer, ergueron os ollos
e viron unha caravana de ismaelitas que
viña de Galaad, cos camelos cargados de
especias, de bálsamo e resina, camiño de
Exipto.
26Nisto díxolles Xudá a seus irmáns: –Que
proveito tiraremos con matar o noso irmán e
tapar o seu sangue? 27Vaiamos, vendámosllе-
lo aos ismaelitas. Non poñamos as mans nel,
pois é noso irmán, do noso sangue.

Os irmáns asentiron. 28Pasaron uns carava-
neiros madianitas, e os irmáns tiraron a Xosé
do fondo do pozo. Por vinte moedas de pra-
ta vendérono aos ismaelitas, que o levaron a
Exipto. 29Cando volveu Rubén ao pozo e non
atopou a Xosé, rachou os seus vestidos 30e foi
onda os irmáns para lles dicir: –O rapaz non
está. A onde vou eu agora?
31Eles colleron a túnica de Xosé, mataron
un cabuxo, tinxírona co sangue 32e mandáro-
na levar a seu pai, con este recado: –Atopa-
mos isto. Mira se é ou non a túnica de teu
fillo.
33Xacob recoñeceu a túnica, e dixo: –É
a túnica de meu fillo. Devorouno unha fera
salvaxe. Xosé foi esnaquizado.
34Xacob rachou os seus vestidos, cubriu-
se de saco e fixo por moito tempo loito polo
fillo. 35Todos os fillos e fillas viñeron con-
solalo, pero el rexeitaba o consolo, dicindo:
–Baixarei coa dor ao sepulcro co meu fillo.
E choraba por el.
36Os madianitas, pola súa banda, venderon
a Xosé en Exipto a Potifar, alto funcionario
do faraón, xefe da súa garda.

### Xudá e Tamar

**38** 1Por aquel mesmo tempo afastouse
Xudá de seus irmáns e foi á casa dun
home de Adulam chamado Hirah. 2Alí co-
ñeceu unha muller cananea que se chamaba
Xúa; tomouna e achegouse a ela. 3Xúa que-
dou embarazada e deulle a Xudá un fillo, a
quen puxo o nome de Er. 4Quedou de novo
embarazada e deulle outro fillo, ao que cha-
mou Onán. 5Volveu aínda ter un fillo e cha-
moulle Xelah. A nai atopábase en Quezib
cando deu a luz.
6Xudá tomou, co tempo, unha muller para
Er, seu primoxénito; chamábase Tamar. 7Er,
o primoxénito de Xudá, era un mal home á
vista do Señor e o Señor fíxoo morrer. 8Entón
Xudá díxolle a Onán: –Achégate á muller de
teu irmán; cumpre co teu deber de cuñado e
dálle descendencia a teu irmán.

**37**, 12ss As tradicións mestúranse. Segundo o iavista os fillos de Israel queren matar a Xosé; Xudá sae na súa defensa e acaban por vendelo aos ismaelitas. Segundo o elohista os fillos de Xacob queren matar a seu irmán; Rubén deféndeo e os madianitas lévano a Exipto.
**37**, 22 A idea de verter o sangue do irmán recorda o pecado de Caín (**4**, 10). Os dous irmáns que defenden a Xosé non queren deixar verter o sangue (v. 26), sabendo que o sangue vertido inxustamente non hai logo terra que o tape (Xob **16**, 18; Is **26**, 21).

**38** Este capítulo rompe a secuencia da historia de Xosé, para recoller un feito solto da vida de Xudá. Presenta a persoa, e a tribo que a persoa representa, mesturadas cos cananeos, afastadas dos irmáns (Xuí **1**, 8). Unha muller cananea, Tamar, conta entre os devanceiros de David (Rut **4**, 18-22). O interese mostrado aquí pola tribo do sur revela a man do iavista.
**38**, 8 A lei do levirato mandaba que o parente máis próximo dun finado sen descendencia tomase a súa viúva por muller e lle dese ao morto un fillo dela (Dt **25**, 5-10; Mt **22**, 24).

9Pero Onán, sabendo que non sería súa a
descendencia, vertía o seme polo chan can-
do se achegaba á muller de seu irmán, para
non lle dar descendencia. 10Pareceulle mal ao
Señor o que Onán facía e fíxoo morrer a el
tamén. 11Xudá díxolle entón á súa nora Ta-
mar: –Consérvate viúva na casa de teu pai,
deica que medre o meu fillo Xelah.

Cavilaba: Non sexa que morra tamén el,
coma seus irmáns. E Tamar foi vivir á casa
de seu pai.

12Moito tempo despois morreu Xúa, mu-
ller de Xudá. En acabando o loito por ela,
Xudá subiu a Timnah, en compaña de Hirah
de Adulam, para a rapa das ovellas. 13Dixé-
ronlle a Tamar: –Mira que o teu sogro sobe a
Timnah, á rapa das ovellas.

14Ela quitou a roupa de viúva, cubriu a cara
cun veo e, disfrazada, púxose na encrucilla-
da que hai no camiño de Timnah, en Enaim.
Pois vía que Xelah medraba e Xudá non a ca-
saba con el. 15Ao ver Xudá a Tamar, tomouna
por unha prostituta, pois tiña a cara cuber-
ta. 16Dirixiuse a ela no camiño e propúxolle,
sen darse conta de que era a súa nora: –Ven,
deixa que me achegue a ti.

Díxolle ela: –Que me vas dar por achegar-
te a min?

17El respondeulle: –Mandareiche un ca-
buxo do rabaño.

Ela dixo: –Ben, se me dás un peñor ata
que o mandes.

18Preguntoulle el: –Que peñor queres que
che dea?

Respondeulle ela: –O teu anel coa cadea e
o caxato que levas na man.

El deullos, achegouse a ela, e ela quedou
embarazada. 19Tamar marchou, quitou o veo
da cara e volveu poñer a roupa de viúva.
20Xudá mandoulle o cabuxo polo seu amigo
de Adulam, coa intención de recoller o peñor
que tiña a muller; pero aquel non a atopou.
21Preguntou á xente do lugar: –Onde está a
prostituta que se pon en Enaim, á beira do
camiño?

Dixéronlle: –Aí non se pon prostituta nin-
gunha.

22O home volveu onda Xudá e díxolle: –Non
a encontrei. Por parte, a xente do lugar di que
alí non hai ningunha prostituta.

23Repuxo Xudá: –Pois que se quede co pe-
ñor; que non se rían de nós. Eu mandeille o
cabuxo e ti non a encontraches.

24Ao cabo de tres meses dixéronlle a Xudá:
–A túa nora Tamar prostituíuse e quedou em-
barazada.

Dixo Xudá: –Sacádea fóra e queimádea.

25Cando a sacaban fóra, mandou ela dicir
ao seu sogro: "O dono destas cousas é quen
me deixou embarazada". E engadiu: "Com-
proba de quen é este anel coa súa cadea e esta
vara".

26Xudá recoñeceunos e dixo: –Ten máis
razón ca min, pois non lle dei o meu fillo
Xelah.

Pero non se achegou a ela nunca máis.

27Chegada a hora do parto, viuse que tiña
xemelgos. 28Ao dalos a luz, un deles sacou
a man para fóra e a parteira atoulle nela un
fío vermello, dicindo: –Este é o primoxé-
nito.

29Pero a man volveuse atrás e saíu primei-
ro seu irmán. Entón dixo a parteira: –Que
saída te forzaches!

E púxolle o nome de Peres. 30Despois saíu
seu irmán co fío atado na man e chamárono
Zérah.

### Xosé na casa de Potifar

**39** 1Os ismaelitas levaron a Xosé para
Exipto e vendéronllo ao exipcio Po-
tifar, alto funcionario do faraón, xefe da súa
garda. 2O Señor favoreceu a Xosé e deulle
boa sorte en todo o que facía na casa do amo
exipcio. 3O seu amo decatouse de que o Se-
ñor estaba con el, facendo prosperar todo
nas súas mans; 4colleulle afecto a Xosé e
gardouno ao seu servizo. Encargoulle o go-
berno da casa e encomendoulle toda a facen-
da.

**38**, 9 O pecado de Onán está en defraudar a muller de seu irmán e en non darlle a este descendencia. En cambio o termo onanismo sinala como pecado o *coitus interruptus*, un dos xeitos máis vellos de impedir a concepción.

**38**, 15 Tamar faise pasar por prostituta, para se vingar de Xudá que non a casa con Xelah en cumprimento da lei do levirato (v. 21).

**38**, 24 O feito de Tamar é xulgado como adulterio, penado coa morte; tíñase que gardar para Xelah (Lev **20**, 10). Pero, no caso, tamén Xudá era culpado como el mesmo recoñece (v. 26).

**38**, 29s Os nomes dos nenos queren reflectir as circunstancias do nacemento. *Peres* significa "fenda"; *Zérah*, "o que aparece e logo se queda", ou tamén "de cor vermella". O que está por medio nese xogo é a primoxenitura (**25**, 26).

**39** Imaxe iavista das venturas e desventuras de Xosé en Exipto.

**39**, 2s Unhas poucas proclamacións teolóxicas coma esta chegan para daren a toda a historia de Xosé o carácter de historia sagrada. O dato de que por Xosé lles vaia ben a cantos teñen relación con el corresponde á promesa patriarcal no seu capítulo de bendición para todos os pobos (v. 5).

5Desde que lle encomendou a Xosé a súa
casa e toda a súa facenda, o Señor bendiciu
por causa del a Potifar e acrecentou todo o
que tiña, tanto na casa coma fóra. 6O exipcio
deixouno todo nas súas mans, sen preocupar-
se persoalmente máis ca da comida. Xosé era
fermoso e ben plantado.

**Xosé tentado e no cárcere**

7Despois de certo tempo, a muller de Po-
tifar pousou os ollos en Xosé e propúxolle:
–Déitate comigo.

8El refugou a proposta, dicindo: –Ves que
o meu amo non se ocupa de cousa ningunha
na súa casa, senón que deixou nas miñas
mans todo o que ten. 9Ninguén está nesta
casa por enriba de min e o meu amo non se
reservou cousa ningunha, fóra de ti mesma,
súa muller. Como podería eu cometer un cri-
me semellante, e pecar contra Deus?

10Ela teimaba un día tras outro, mais el non
lle facía caso e non se deitou con ela. 11Un
día que entraba el na casa para facer o seu
traballo, cando non había alí ningún da casa,
12agarrouse ela ao seu manto, esixíndolle:
–Déitate comigo.

El deixou o manto nas mans dela e fuxiu
para fóra. 13Ao verse ela co manto nas súas
mans e que el se botara fóra, 14chamou aos
criados e díxolles: –Vede, trouxéronnos aquí
este hebreo para que se aproveitase de nós.
Veu onda min coa intención de se deitar co-
migo; pero eu chamei a berros. 15Cando viu
que eu chamaba a berros, deixou o manto
onda min e fuxiu para fóra.

16Ela gardou consigo o manto para, can-
do viñese á casa o seu home, 17volver con-
tarlle todo: –O servo hebreo que trouxeches,
veu onda min e quería aproveitarse de min.
18Cando viu que eu chamaba a berros, deixou
o manto onda min e fuxiu para fóra.

19Ao que Potifar oíu o que lle dicía a súa
muller: "Isto e isto fíxome o teu servo",
anoxouse moitísimo 20e meteu a Xosé no
cárcere, onde estaban os presos do rei. Xosé
quedou alí encarcerado. 21Mais o Señor esti-
vo con Xosé, mostroulle compaixón, facendo
que lle caese ben ao xefe do cárcere. 22Este
encomendoulle os presos que alí había e fa-
cíase todo o que el mandaba. 23O xefe do cár-
cere non controlaba cousa ningunha do que
Xosé facía. O Señor estaba con el, e todo o
que el facía saía ben.

**Soños do copeiro e do panadeiro do faraón**

**40** 1Nunha ocasión o copeiro e mais o
panadeiro do rei de Exipto ofenderon
ao seu señor. 2O faraón anoxouse contra eles,
contra o copeiro maior e o panadeiro maior,
3e meteunos en prisión, na casa do xefe da
garda, onde estaba Xosé detido. 4O xefe da
garda confioullos a Xosé, quen os servía.

5O copeiro e o panadeiro do rei de Exip-
to que estaban presos no cárcere, levaban xa
tempo detidos, cando unha noite cada un de-
les tivo seu soño, cada soño co seu sentido.
6Pola mañá entrou Xosé onda eles e atopou-
nos deprimidos. 7E preguntoulles aos dous
ministros, compañeiros do cárcere: –Por que
tedes hoxe mala cara?

8Respondéronlle eles: –Tivemos un soño e
non hai quen nolo interprete.

Díxolles Xosé: –Non lle corresponde a
Deus a interpretación? Contádeme o soño.

9O copeiro maior contoulle o seu soño a
Xosé: –Soñei que tiña diante unha vide. 10A
vide tiña tres bacelos. Agromou, floreceu e
as uvas madureceron nos acios. 11Eu sostiña
nunha man a copa do faraón, collía as uvas
e espremíaas na copa e puña a copa na man
do faraón.

12Xosé díxolle: –Este é o seu significado.
Os tres bacelos da vide son tres días. 13No
termo de tres días erguerá o faraón a túa ca-
beza, repoñéndote no teu posto e ti porás a
copa na súa man, coma cando eras o seu co-
peiro. 14Cando che vaia ben, acórdate de min.
Faime o favor de falarlle de min ao faraón,
para que me leve desta casa. 15Trouxéronme
secuestrado do país dos hebreos e aquí non
fixen ningún mal para que me botasen neste
alxube.

**39**, 6 Por razóns rituais, un estranxeiro non se podía ocupar da comida dos exipcios.
**39**, 7ss Xosé móstrase aquí xusto e sabio. A orixe deste episodio parece estar na lenda exipcia de "Os dous irmáns, Bata e Anubis".
**39**, 21 Repítese a proclamación da providencia na historia. Deseguida vai vir a ocasión para Xosé de volver para arriba.
**40** A corrente elohista é a que refire agora os novos acontecementos. A interpretación dos soños dos dous ministros, que están presos con el, prepara o acercamento de Xosé ao faraón no capítulo seguinte.
**40**, 8 Os soños son entendidos como agoiro das sortes. Os ministros presos non teñen quen llelos interprete. Xosé confesa que ten ese poder, un poder que Deus lle deu (**41**, 16). Agoiro e sortes están na súa man.
**40**, 13 "Erguer a cabeza" refírese aquí a outorgar dignidade; pero no v. 19 é pendurar dunha forca. Dous soños tan semellantes agoiran sortes tan dispares. Ambos os dous se cumpriron.

16Cando o panadeiro maior oíu que o significado do soño do copeiro era bo, díxolle a Xosé: –Tamén eu soñei que levaba na cabeza tres cestas de pan. 17Na cesta de riba levaba toda sorte de repostaría para o faraón, pero os paxaros peteiraban na cesta que eu levaba na cabeza.

18Xosé díxolle: –Este é o seu significado. As tres cestas son tres días. 19Ao cabo de tres días erguerá o faraón a túa cabeza, pendurarate dunha árbore e os paxaros comerante.

20Ao cabo de tres días, aniversario do faraón, deu este un banquete a todos os seus ministros e de entre todos tivo por ben erguer a cabeza do copeiro maior e do panadeiro maior. 21Ao copeiro maior repúxoo no seu posto de copeiro, para que puxese a copa na man do faraón. 22Pero ao panadeiro maior pendurouno dunha forca, como Xosé interpretara. 23O copeiro maior non se lembrou máis de Xosé, esqueceuse del.

### Os soños do faraón

**41** 1Á volta de dous anos, o faraón tivo un soño. Soñou que se atopaba na ribeira do Nilo. 2Da beira do río subían sete vacas ben feitas e cebadas e púñanse a pacer xuncos. 3Detrás delas subían outras sete, feas e ensumidas e parábanse onda as primeiras, á beira do río. 4As vacas feas e ensumidas devoraban as sete ben feitas e cebadas.

5Volveu durmir e tivo outro soño: sete espigas saían dun só pé, todas graúdas e boas. 6Despois delas agromaban outras sete, miúdas e queimadas. 7As espigas miúdas devoraban as sete graúdas e cheas. E o faraón espertou. Fora todo un soño.

8Pola mañá, inquedo polo soño, mandou o faraón convocar os adiviños e os sabios de Exipto e contoulles o seu soño. Mais ninguén sabía interpretarllo. 9Nisto díxolle o copeiro maior ao faraón: –Agora recordo a miña culpa. 10Alporizado connosco, o faraón fixéranos deter a min e mais ao panadeiro maior, na casa do xefe da garda. 11Unha noite tivemos un soño cada un, cada soño co seu significado. 12Estaba alí connosco un mozo hebreo, servo do xefe da garda, contámoslle os soños e el interpretounos, cada un conforme o seu significado. 13E xustamente como el interpretou, así aconteceu: eu volvín ao meu oficio; ao outro, en troques, colgárono. 14O faraón mandou chamar a Xosé. Sacárono do alxube, afeitouse, cambiou a roupa e presentouse ao faraón. 15O faraón díxolle: –Tiven un soño e non hai quen o interprete. Oín dicir que ti interpretas un soño en oíndo contalo.

16Xosé respondeulle ao faraón: –Eu non; mais Deus ten a resposta, para ben do faraón.

17O faraón contoulle a Xosé: –Soñei que me atopaba na ribeira do río. 18Del subían sete vacas cebadas e ben feitas e pacían nos xuncos. 19Despois delas subían outras sete vacas ensumidas, moi feas e tan secas coma endexamais se viran en todo o Exipto. 20As vacas fracas e ensumidas devoraban as sete cebadas. 21Mais despois de comelas, non daban mostras de máis fartas; tiñan tan mal aspecto coma antes. E espertei. 22Volvín soñar e vin sete espigas saíndo dun só pé, graúdas e boas. 23Despois delas agromaban outras sete, febles, miúdas e agostadas. 24As espigas miúdas devoraban as espigas boas. Conteíllelo aos meus magos e ninguén me deu explicación.

25Xosé díxolle ao faraón: –Os soños do faraón son todos un. Deus revélalle ao faraón o que está para facer. 26As sete vacas boas e as sete espigas boas son sete anos. As dúas cousas son un só soño. 27As sete vacas esgotadas e feas que soben detrás delas e as sete espigas miúdas e murchas son sete anos de fame. 28Como acabo de dicir ao faraón, Deus revélalle con iso o que está para facer. 29Van vir sete anos de moita fartura en todo o país de Exipto. 30Pero tras deles virán sete anos de fame, que farán esquecer toda a fartura que houbo antes e aflixirán todo o país. 31A fame que virá será tan pesada, que non deixará sinal da fartura. 32O feito de que o soño do faraón se repetise proba que Deus confirma esta cousa e que se dará présa en cumprila. 33Agora, que o faraón busque un home intelixente e asisado e que o poña á fronte de Exipto; 34que nomee gobernadores no país e que faga recadar un quinto dos produtos da terra nos sete anos de fartura. 35Que se recollan víveres nos anos bos que veñen e que, baixo a autoridade do faraón, entullen trigo

**41** Os soños do faraón, en número de dous como os de Xosé (**37**, 5-11) e os dos ministros (**40**, 5-8), refírense tamén ás sortes de persoas e de pobos. É a tradición iavista a que os conta.

**41**, 8 Os sabios e adiviños de Exipto vense aquí encarados co poder sobre o futuro, que Deus revela por Xosé, como outra vez por Moisés (Éx **7-8**).

**41**, 16 No anuncio revela Deus o seu señorío sobre os acontecementos anunciados (**40**, 8).

**41**, 33 Xosé interprétalle o soño ao faraón e, por parte, aconséllalle o que debería facer.

para comer e o garden nas cidades. 36Os víveres serán reserva para o país nos sete anos de fame que virán, para que Exipto non pereza de fame.

### Xosé vicerrei de Exipto

37A proposta de Xosé pareceulle ben ao faraón e a todos os seus ministros. Aquel preguntoulles a estes: 38–Atopariamos un home tan cheo do espírito de Deus como o está este home?

39E díxolle a Xosé: –Polo feito de que Deus che revelase todo isto, non hai outro home tan intelixente e asisado coma ti. 40Estarás á fronte da miña casa. O pobo todo obedecerá as túas ordes; soamente polo trono estarei por riba de ti. 41E engadiu: –Olla que che dou o mando de toda a terra de Exipto.

42O faraón tirou o anel do selo do seu dedo e púxoo no de Xosé. Fíxoo vestir de roupa de liño e púxolle un colar de ouro no pescozo. 43Mandouno montar no carro do vicerrei e que pregoasen ao seu paso: "Axeonlládevos". Con iso púñao á cabeza de todo o país de Exipto.

44Díxolle o faraón: –Eu son o faraón. Ninguén en todo o Exipto moverá a man nin o pé sen contar contigo.

45O faraón púxolle a Xosé o nome de Safenat Panéah e deulle por muller a Asenat, filla de Potifera, sacerdote de On. Xosé saíu para percorrer a terra de Exipto. 46Tiña Xosé trinta anos cando se presentou ao faraón e saíu da súa presenza para percorrer as terras todas de Exipto. 47Nos sete anos de fartura a terra deu froitos a manchea. 48Xosé axuntou os víveres dos sete anos de fartura e entullounos nas cidades, en cada unha os produtos das terras do arredor. 49Recolleu tanto trigo coma as areas do mar ata deixar de medilo, pois xa non o daba medido.

### Os fillos de Xosé

50Antes que chegase o primeiro ano da fame, nacéronlle dous fillos a Xosé. Deullos Asenat, filla de Potifera, sacerdote de On. 51Ao primoxénito chamouno Menaxés pensando: Deus fíxome esquecer os meus traballos e a casa de meu pai. 52Ao segundo chamouno Efraím: Deus fíxome frutificar na terra da miña aflición.

### Os anos da fame

53Acabáronse os sete anos de fartura en Exipto e 54empezaron a chegar os sete anos de fame, que Xosé agoirara. En todos os países houbo fame e só en Exipto había pan. 55Ao estenderse a fame polo Exipto, o pobo clamaba por pan ao faraón e el dicíalles a todos os exipcios: –Ide onda Xosé e facede o que el vos diga.

56A fame estendeuse por toda a terra adiante. Xosé abriu os celeiros e repartía aos exipcios, cando a fame apertaba en Exipto. 57Pero de todos os países viñan xentes a Exipto, para mercaren gran onda Xosé, pois a fame apertaba en toda a terra.

### Primeiro encontro de Xosé con seus irmáns

**42** 1Soubo Xacob que había á venda trigo en Exipto e díxolles aos fillos: –Que facedes aí mirando? 2Oín que hai trigo á venda en Exipto. Ide alá, mercade para vivirmos e non morrermos de fame.

3Baixaron, pois, a Exipto dez dos irmáns de Xosé, para mercaren alí trigo, 4Xacob non deixou ir con seus irmáns a Benxamín, o irmán de Xosé, por medo de que lle puidese pasar unha desgraza. 5Os fillos de Israel ían mercar trigo entre outros moitos, pois había fame en todo o país de Canaán.

6Xosé era quen mandaba en Exipto e quen vendía o trigo a todo o mundo. Chegados onda el, os irmáns prostráronse por terra. 7En canto Xosé os viu, recoñeceunos; pero el non se lles deu a coñecer, senón que lles falou con dureza. Preguntoulles: –Vós de onde vides?

Eles responderon: –Vimos do país de Canaán para mercar víveres.

**41**, 43 *Axeonlládevos* traduce a hebraización do termo exipcio que significa "Atención". Trátase dos ritos da investidura do vicerrei de Exipto.

**41**, 45 O nome exipcio de Xosé corresponde á súa nova función. O nome significa "Deus di que el viva"; o nome da muller é tamén teofórico, e así o do sogro Potifera, "don de Ra", o deus solar de Heliópolis (On).

**41**, 51s Os fillos de Xosé levan nomes hebreos, *Menaxés* e *Efraím*, lidos respectivamente como Deus "fíxome esquecer", Deus "fíxome frutificar", referíndose con iso á promesa patriarcal que Xosé ve cumprir nos fillos que lle nacen.

**41**, 55 Como dicía a promesa noutro dos seus capítulos, da familia e do pobo de Abraham ha saír bendición para todos os pobos. Agora esa bendición de Deus vén por Xosé.

**42** Cando Xosé chega ao cume da súa carreira en Exipto, volve o tema da familia. Este é o tema máis importante da historia de Xosé. Ata agora a familia, o pobo prometido a Abraham, viuse á beira da destrución; desde aquí ten que se empezar a construír, ata se chegar a atopar xunta e en paz. A ocultación longa de Xosé quere dar tempo á conversión dos irmáns. Primeiro de volver a eles en persoa como irmán, Xosé volve como recordo acusador, que esperta o arrepentimento do pecado.

[8]Xosé recoñecía a seus irmáns, pero eles
non recoñecían a Xosé. [9]Xosé acordouse dos
soños que tivera acerca deles e díxolles: –Vós
sodes espías. Viñestes pescudar os lados fe-
bles do país.
[10]Respondéronlle eles: –Non é así, señor.
Os teus servos viñeron para adquirir víveres.
[11]Somos fillos dun mesmo pai, xente de ben.
Os teus servos non son espías.
[12]El insistiu: –Non é certo. Viñestes pescu-
dar os lados febles do país.
[13]Responderon: –Nós, os teus servos, era-
mos doce irmáns, fillos dun mesmo pai, na
terra de Canaán. O máis pequeno quedou co
noso pai e o outro xa faltou.
[14]Díxolles Xosé: –A verdade é o que vos
dixen, que vós sodes espías. [15]Pero vouvos
pór a proba. Pola vida do faraón, que non sai-
redes de aquí, namentres non veña convosco
o voso irmán máis pequeno. [16]Mandade un
de vós para que o traia. Os demais quedades
presos. Comprobarase se dixestes a verdade.
E se non, pola vida do faraón, que sodes es-
pías.
[17]E tívoos detidos tres días. [18]O terceiro día
díxolles: –Eu son un home que cre en Deus.
Facede como vos digo e salvaredes a vida.
[19]Se sodes xente de ben, un de vós quedará
preso no cárcere onde estades e os demais
iredes levar o trigo que mercastes, ás vosas
xentes famentas. [20]Despois diso traerédesme
a voso irmán máis novo, para que se compro-
be o que dixestes e non teñades que morrer.
Eles fixérono así. [21]Niso dicíanse uns aos
outros: –Abofé somos culpados polo que lle
fixemos ao noso irmán. Vímolo no apuro, su-
plicándonos, e non lle fixemos caso. Por iso
nós vémonos agora no apuro.
[22]Entón dixo Rubén: –Non vos dicía eu:
Non lle fagades mal ao rapaz e vós non fi-
xestes caso? Por iso nos esíxen agora o seu
sangue.
[23]Eles non sabían que Xosé os entendía,
pois falaran por intérprete. [24]Xosé retirouse
da súa vista e botou a chorar. Logo volveu
para falarlles. Colleu de entre eles a Simeón
e fíxoo prender á súa vista. [25]Xosé ordenou
logo que lles enchesen as sacas de trigo, que
metesen o diñeiro de cada un na súa saca e
que lles desen provisións para a viaxe. E fixé-
rono así con eles.

### O diñeiro nas sacas do trigo

[26]Eles cargaron o trigo nos burros e fó-
ronse de alí. [27]Á noite, na pousada, un deles
abriu a saca para lle dar penso ao seu burro e
atopou na boca da saca o seu diñeiro. [28]Díxo-
lles aos irmáns: –Devolvéronme o diñeiro.
Védeo aquí na saca.
Estarrecidos e tremendo, dicíanse uns aos
outros: –Que está facendo Deus connosco?
[29]Chegados onda seu pai Xacob, en Ca-
naán, contáronlle o que lles pasara: [30]–O
señor de Exipto tomounos por espías da súa
terra e tratounos con dureza. [31]Nós dixémos-
lle que eramos xente de ben e non espías.
[32]Que eramos doce irmáns, fillos do mesmo
pai: que un deles xa faltara e que o máis novo
quedara con noso pai en Canaán. [33]O señor
de Exipto díxonos: "Deste xeito probarei se
sodes xente de ben: un de vós ficará comigo;
os demais collede os víveres para a mantenza
das vosas familias e marchade. [34]Pero para
outra vez traédeme convosco o irmán máis
pequeno; así comprobarei que non sodes es-
pías, que sodes xente de ben. Entón devol-
vereivos eu o irmán e vós poderedes mercar
neste país".
[35]Cando baldeiraron as sacas, atoparon ca-
dansúa bolsa do diñeiro. En vendo as bolsas,
tremían eles e seu pai. [36]Xacob díxolles en-
tón: –Ídesme deixar sen fillos! Xosé xa non
está e Simeón tampouco. E agora queredes
levar tamén a Benxamín. Todo cae riba de
min.
[37]Respondeulle Rubén: –Se non che traio
de volta a Benxamín, podes matar os meus
dous fillos. Déixao nas miñas mans, que eu
cho volverei.
[38]Xacob dixo: –Non baixará convosco o
meu fillo. Seu irmán morreu e quédame el só.
Se na viaxe que fagades pasa calquera des-
graza, farédesme baixar ao sepulcro cargado
de dor.

**42**, 9 Os soños dicían como eles se prostraban diante del (**37**, 5-11).
**42**, 13 Empeza Xosé a volver á conciencia dos irmáns; cada vez se fará neles máis vivo o seu recordo.
**42**, 21s A imaxe de Xosé vén agora á súa conciencia, para acusalos da súa culpa e espertar o arrepentimento. Os contratempos orixinan nos irmáns de Xosé unha nova actitude.
**42**, 28 Dun lado a hospitalidade e doutro estes feitos desconcertan aos irmáns de Xosé e danlles medo, coma se agoirasen algo que non se pode adiviñar. Será que chega a hora do castigo das súas culpas?

### Benxamín baixa a Exipto cos irmáns

**43** [1]A fame apertaba en Canaán. [2]Cando se lles acabaron as provisións que trouxeran de Exipto, Xacob díxolles a seus fillos: –Volvede alá e mercade que comer.

[3]Respondeulle Xudá: –O home aquel xurounos: "Non vos quero ver diante de min, se non está convosco voso irmán". [4]Se consentes, pois, que veña connosco noso irmán, iremos alá e poderemos mercar víveres. [5]Pero se non consentes, non iremos, pois aquel home díxonos: "Non vos quero ver diante, se non está convosco o voso irmán".

[6]Díxolles Israel: –Por que me fixestes este mal de lle dicir a aquel home que tiñades outro irmán?

[7]Respondéronlle: –O home aquel non paraba de preguntarnos acerca de nós e das nosas familias: "Vive aínda voso pai? Tedes algún outro irmán?". Nós respondiamos a todo o que el nos preguntaba. Como podiamos sospeitar que nos diría: "Traédeme a voso irmán".

[8]Xudá díxolle entón a Israel seu pai: –Deixa vir comigo o rapaz, e vaiamos xa, para salvar a vida. Doutro xeito morreremos, ti, nós e nosos fillos. [9]Eu respondo polo rapaz. Ti poderasme pedir contas. Se non cho traio de volta e non cho poño diante, quedarei en culpa contigo para sempre. [10]Se non fose por estas dúbidas, agora estariamos xa de volta dúas veces.

[11]Díxolles seu pai Xacob: –Se ten, pois, que ser, facede como vos digo: collede uns cestos cos mellores froitos do país e levádelle un regalo a aquel home: un pouco de resina, un pouco de mel, goma, mirra, láudano, pistachos e améndoas. [12]Levade tamén convosco o dobre do diñeiro e volvédelle o que puxeron na boca das vosas sacas, pois se cadra foi un erro. [13]Collede a voso irmán e ide ver a aquel home. [14]Que o Deus todopoderoso faga que teña dó de vós e deixe vir convosco a voso irmán e a Benxamín. Canto a min, se teño que quedar só, quedarei.

### Benxamín con Xosé

[15]Os homes colleron consigo os regalos, o dobre do diñeiro e a Benxamín, encamiñáronse para Exipto e presentáronse a Xosé. [16]Cando Xosé viu a Benxamín cos irmáns, díxolle ao seu mordomo: –Leva estes homes para a casa, mata un animal e prepárao, pois xantarán comigo.

[17]O criado cumpriu o que o amo lle mandara: levou os homes á casa de Xosé. [18]Ao vérense conducidos á casa de Xosé, os homes colleron medo, pois pensaban: Tráennos aquí por culpa do diñeiro que a primeira vez puxeron nas nosas sacas, para botarse en nós, baternos, converternos en escravos e quedaren cos nosos burros.

[19]Entón acaroáronse ao mordomo de Xosé e dixéronlle, á porta da casa: [20]–Escóitanos, señor. Nós xa viñemos outra vez para mercarmos víveres. [21]Mais, en chegando, de volta, á pousada, abrimos as nosas sacas e na boca de cada saca atopamos o diñeiro que antes pagaramos. Agora aquí o traemos. [22]Para mercarmos novos víveres, trouxemos outros cartos. Non sabemos quen puido meter nas nosas sacas o diñeiro.

[23]Díxolles el: –Estádevos tranquilos e non teñades medo. O voso Deus e Deus dos vosos pais púxovos nas sacas o tesouro. O voso diñeiro eu recibino.

E tróuxolles a Simeón. [24]Logo fíxoos entrar na casa de Xosé, deulles auga para lavaren os pés e aos burros botoulles penso. [25]Eles dispuxeron os regalos para cando chegase Xosé, ao mediodía, pois oíran que xantarían alí con el. [26]Cando Xosé entrou na casa, presentáronlle os regalos que trouxeran e prostráronse no chan. [27]Xosé preguntoulles: –Como estades? O voso vello pai, de quen me falastes, está ben? Vive aínda?

[28]Eles dixeron: –Os teus servos están ben, noso pai vive aínda.

E prostráronse por terra outra vez.

[29]Nisto puxo Xosé os ollos en Benxamín, seu irmán, fillo da mesma nai, e preguntou: –É este voso irmán máis pequeno, do que me falastes?

E coa mesma díxolle a el: –Deus te garde, meu fillo.

[30]E retirouse axiña, pois, conmovido á vista do irmán, tiña ganas de chorar. Entrou na súa cámara e chorou. [31]Logo lavou a cara e saíu. E mandou servir o xantar. [32]Servíronlle a el por un lado, a seus irmáns por outro, e á

**43** O segundo encontro dos irmáns débese case todo á tradición iavista (no primeiro había máis sinais da elohista). Segue a proba dos irmáns por parte de Xosé, e dáse un paso máis cara ao encontro da familia.
**43**, 8 Na tradición iavista é Xudá quen responde por Benxamín; na versión elohista é Rubén (Xén **42**, 37).
**43**, 21 Segundo o iavista, todos atopan o seu diñeiro na boca dos sacos, na pousada; o elohista di que un dos irmáns atopou o diñeiro na pousada e os outros de volta na casa, no fondo de cadanseu saco (Xén **42**, 27s. 35).
**43**, 30 Os sentimentos humanos reclaman toda a atención do narrador (Xén **42**, 24; **45**, 2).

parte aos exipcios que o acompañaban, pois
aos exipcios estalles prohibido comer onda
os hebreos; téñeno por cousa mala. [33]Senta-
dos fronte a Xosé, comezando o primoxénito
e rematando o máis novo, ollábanse admira-
dos uns aos outros. [34]Xosé mandáballes ta-
lladas da súa mesa. A tallada de Benxamín
era cinco veces máis grande. Eles beberon e
alegráronse na compaña de Xosé.

### A copa de Xosé

**44** [1]Xosé deulle ao seu mordomo esta
orde: –Ateiga de víveres as sacas,
canto poidan levar, e pon o diñeiro de cada
un na boca da súa saca. [2]E a miña copa, a de
prata, métea na saca do máis novo, xunto co
seu diñeiro.

E el fixo o que Xosé lle ordenou. [3]Á ama-
ñecida, os homes foron despedidos e mar-
charon cos seus burros. [4]Saíron da cidade e,
cando non ían aínda lonxe, mandou Xosé ao
xefe da súa casa: –Vai detrás deses homes e,
cando os atrapes, dilles: "Por que pagastes
mal por ben? [5]Non levades aquí a copa onde
bebe o meu señor e da que se serve para adi-
viñar? O que fixestes está mal".

[6]O home atrapounos e repetiulles as pala-
bras. [7]Respondéronlle eles: –Señor, por que
nos falas dese xeito? Lonxe dos teus servos
faceren semellante cousa. [8]Viches que o di-
ñeiro que encontramos na boca das nosas
sacas, trouxémoscho desde Canaán. Como
iamos roubar prata nin ouro da casa do teu
señor? [9]Aquel dos teus servos a quen se lle
atope a copa, será reo de morte e todos os
demais quedaremos como escravos do noso
señor.

[10]Díxolles el: –Que sexa deste xeito:
Aquel a quen se lle atope a copa será escravo
meu; os demais quedaredes libres.

[11]Cada un baixou deseguida ao chan a súa
saca e abriuna. [12]El comezou a cachear polo
maior e acabou polo máis pequeno. E atopou
a copa na saca de Benxamín. [13]Eles esgaza-
ron as vestiduras, cargaron os seus burros e
volveron para a cidade. [14]Xudá e seus irmáns
entraron na casa de Xosé que estaba aínda
alí e prostráronse por terra diante del. [15]Xosé
díxolles: –Que feito é ese que fixestes? Non
sabiades que un home coma min ten o poder
de adiviñar?

[16]Respondeulle Xudá: –Que poderiamos
responder ao noso señor? Con que palabras
mostrar a nosa inocencia? Deus mostrou cul-
pables aos teus servos. Recoñecémonos es-
cravos de meu señor, o mesmo nós coma o
que tiña a copa no seu poder.

[17]Dixo Xosé: –Lonxe de min facer tal cou-
sa. Aquel que tiña a copa no seu poder que-
dará por escravo meu. E vós marchade en paz
para onda voso pai.

### Xudá defende a Benxamín

[18]Dirixíndose a Xosé, dixo Xudá: –Rógo-
che, meu señor, que lle consintas ao teu servo
dicir unha palabra, sen que o meu señor se
anoxe. Ti es coma o faraón. [19]O meu señor
preguntoulles aos seus servos: "Tedes pai ou
algún outro irmán?" [20]E nós respondémoslle
ao meu señor: "Temos un pai xa vello e un
irmán pequeno, que lle naceu na súa vellez.
Un irmán seu, da mesma nai, está xa morto.
Agora quedoulle só el e o pai quéreo moi-
to". [21]Ti dixéchesslles entón aos teus servos:
"Traédemo aquí, para que o vexa cos meus
ollos". [22]Nós díxemos ao meu señor: "O ra-
paz non pode deixar só a seu pai, pois se o
deixase, morrería". [23]E ti dixéchesslles aos
teus servos: "Se non vén convosco o irmán
máis novo, non volveredes ver a miña cara".
[24]Nós volvemos para onda teu servo, noso
pai, e referímoslle o que nos dixera o meu
señor. [25]Cando noso pai nos mandou: "Volve-
de alá e mercade algo que comer", [26]nós res-
pondémoslle: "Non podemos ir alá. Iremos,
se noso irmán máis pequeno vai connosco;
onda non, non poderemos presentarnos dian-
te daquel home". [27]Entón díxonos o teu ser-
vo, noso pai: "Sabedes que a miña muller me
deu dous fillos. [28]Un deles foise de onda min
e penso que foi esnaquizado; ata hoxe non o
vin máis. [29]Se agora me levades estoutro e
lle pasa unha desgraza, enterraredes un vello,
que morre cheo de dor". [30]Se eu volvo agora
onda teu servo, meu pai, e non vai connos-
co o rapaz, téndolle o apego que lle ten, [31]en
vendo que el falta, morrerá e nós enterrare-
mos ao teu servo, noso vello pai, colmado de

**44** Segue o iavista coa proba da solidariedade dos irmáns con Benxamín.
**44**, 2 *A copa* é un obxecto persoal, precioso e sagrado; servía para a adiviñación (v 5).
**44**, 16 Aínda que non foron eles os que colleron a copa, confésanse culpables. Deus trae á súa memoria o pecado que cometeran con Xosé. Ao xuntárense todos na conciencia da culpa, comeza a reconstruírse a familia.
**44**, 18ss Xudá fala polos irmáns en defensa de Benxamín, mantendo o xuramento que fixera a seu pai, de se responsabilizar do rapaz. Fala con moito respecto e querendo conmover as entrañas de Xosé en favor do vello pai, que morrería de tristura. O lector sabe que o vello é tamén pai de Xosé.

pesar. 32Este teu servo respondeu ante seu pai
polo rapaz, xurando: "Se non che traio o ra-
paz, quedarei en culpa diante de meu pai por
toda a vida". 33Agora pídoche que poida este
teu servo quedar de escravo do meu señor no
posto do rapaz e que poida el subir con seus
irmáns. 34Como podería eu volver onda meu
pai, sen levar o rapaz comigo? Que eu non
vexa a meu pai en tan grande aflición!

### Xosé descóbrese aos irmáns

**45** 1Xosé non puido xa conterse máis
diante da súa corte e mandou que saí-
sen todos. Non quedou ninguén con el, cando
se deu a coñecer a seus irmáns. 2Entón Xosé
botouse a chorar, de xeito que o oían os exip-
cios ata o palacio do faraón. 3Díxolles a seus
irmáns: –Eu son Xosé. Vive aínda meu pai?

Pero os irmáns non lle podían responder,
por quedaren estarrecidos diante del. 4Xosé
díxolles: –Achegádevos aquí.

Eles achegáronse. E el repetiu: –Eu son
Xosé, voso irmán, o que vendestes para
Exipto. 5Agora non vos aflixades nin vos
pese de me vender, pois para manter vidas
mandoume Deus aquí diante de vós. 6Van
dous anos de fame na terra; pero quedan aín-
da cinco sen sementeira nin colleita. 7Deus
mandoume diante de vós, para asegurarvos
a escapada da morte no país e para facervos
sobrevivir, con vistas á gran liberación. 8Polo
mesmo non fostes vós os que me mandastes
aquí. Foi Deus que fixo de min ser coma un
pai para o faraón, dono da súa casa, gober-
nador da terra toda de Exipto. 9Volvede onda
meu pai e dicídelle que o seu fillo Xosé lle
manda dicir isto: "Deus fíxome señor de
todo o Exipto. Ven sen deterte ao meu lado.
10Asentarás na terra de Goxén e alí estaredes
cerca de min, ti e mais os teus fillos, os teus
netos, os teus fatos, os teus gandos e todas as
túas posesións. 11Eu mantereite alí, pois que-
dan aínda por diante cinco anos de fame, de
xeito que non pases miseria ti, nin a túa fami-
lia, nin os teus servos". 12Os vosos ollos e os
de meu irmán Benxamín están vendo que son
eu mesmo quen vos fala. 13Contádelle a meu
pai do meu poder en Exipto e de todo o que
vistes. E traédemo aquí axiña.

14Abrazando a seu irmán Benxamín, bo-
touse a chorar; Benxamín choraba tamén,
abrazado a el. 15Bicou a todos os irmáns e
chorou con eles. E seguiron falando uns cos
outros.

### O faraón abre a Xacob as portas de Exipto

16Ata o palacio do faraón correu a voz:
–Viñeron os irmáns de Xosé.

E pareceulles ben ao faraón e aos seus mi-
nistros. 17O faraón díxolle a Xosé: –Manda a
teus irmáns que carguen os burros e vaian a
Canaán, 18que collan a seu pai e as súas fa-
milias e que se veñan onda min. Dareilles do
mellor que hai en Exipto, e poderán comer
do máis prezado da terra. 19Dilles tamén que
leven de aquí carros, para traeren neles os ne-
nos, as mulleres e a seu pai. E que se veñan.
20Que non lles doia deixar alá cousas, pois o
mellor de Exipto é para eles.

21Os fillos de Israel cumpriron o mandado.
Seguindo a orde do faraón, Xosé proveunos
de carros e de provisións para a viaxe. 22A cada
un deulle tamén un vestido para se mudar. A
Benxamín deulle trescentas moedas de prata
e cinco mudas. 23Para seu pai mandou Xosé
dez burros cargados coas cousas mellores de
Exipto e dez burros con pan e provisións para
a viaxe. 24Ao despedilos, díxolles Xosé aos
seus irmáns: –Non rifedes polo camiño.

25Eles saíron de Exipto e chegaron a Ca-
naán, onda Xacob seu pai. 26E contáronlle a
nova: –Xosé vive aínda e goberna o Exipto
enteiro.

Xacob quedou desconcertado, porque
non o podía crer. 27Eles referíronlle todo o
que Xosé lles dixera. Ao ver Xacob os carros
que mandaba Xosé para levalo, reviviulle o
espírito. 28E dixo Israel: –Chégame con que
o meu fillo Xosé viva. Irei velo, antes de mo-
rrer.

### A familia de Xacob en Exipto

**46** 1Israel emprendeu a viaxe, con toda a
súa xente e as súas posesións. En che-
gando a Beerxeba, ofreceu un sacrificio ao
Deus de seu pai, Isaac. 2Nunha visión, de noi-
te, Deus chamou a Israel: –Xacob! Xacob!

El respondeu: –Aquí estou.

**45** O encontro completo dos irmáns chegounos nunha mestura das tradicións iavista e elohista.

**45**, 2 O narrador subliña as fortes emocións dos personaxes (Xén **43**, 30; **45**, 14s; **46**, 29).

**45**, 3 O terror dos irmáns non é soamente medo de que Xosé se poida vingar, senón un sentimento case sagrado, numinoso, coma se Deus mesmo ("Eu son") aparecese diante deles na grandeza de Xosé (v. 13).

**45**, 5-7 Esta pasaxe, xunto con Xén **50**, 20 (cf Sal **105**, 17), proclama a man de Deus tirando bens dos feitos malos e das paixóns humanas. Esta historia tan humana é lida, á luz destas pasaxes, en clave teolóxica ou de historia de salvación.

**46** Seguen as tradicións iavista e elohista mesturadas.

**46**, 2ss A teofanía quere lexitimar o feito de que Xacob abandone o país onde botara xa raíces. A seu pai mandára-

3Díxolle Deus: –Eu son o Deus de teu pai.
Non teñas medo de ires a Exipto, pois alí
convertereite nun gran pobo. 4Eu baixarei alá
contigo e farei que volvas aquí. Xosé pecha-
rache os ollos.
5Xacob dispúxose logo a saír de Beerxe-
ba. Os fillos montaron a seu pai, os nenos e
as mulleres nos carros que lles mandara o
faraón para levalos. 6Colleron tamén os gan-
dos e as posesións que adquiriran no país de
Canaán, e chegaron a Exipto. Xacob levaba
consigo para alá todos os seus descendentes:
7os fillos e os netos, as fillas e as netas, todos
os descendentes.
8Estes son os nomes dos fillos de Israel
que foron para Exipto: Xacob e mais os seus
fillos. Rubén, primoxénito de Xacob 9e os
seus fillos: Hanoc, Palú, Hesrón e Carmí.
10Simeón e seus fillos: Iemuel, Iamín,
Ohad, Iapín, Sohar e Xaúl, fillo da cananea.
11Leví e seus fillos: Guerxón, Quehat e
Merarí.
12Xudá e seus fillos: Er, Onán, Xela, Peres
e Zérah; Er e Onán morreron en Canaán e
Peres tiña dous fillos: Hesrón e Hamul.
13Isacar e seus fillos: Tolá, Puvah, Iob e
Ximrón.
14Zebulón e seus fillos: Séred, Elón e Iahleel.
15Estes son os fillos que Lea lle deu a Xa-
cob en Padán-Aram, ademais da filla Dinah.
Por xunto eran trinta e tres fillos e fillas.
16Gad e seus fillos: Sifión, Haguí, Xuní,
Esbón, Erí, Arodí e Arelí.
17Axer e seus fillos: Iimnah, Ixvah, Ixví,
Beriah e Sérah súa irmá; fillos de Beriah: Hé-
ber e Malquiel.
18Estes son os fillos que a Xacob lle deu
Zilpah, a criada que Labán lle dera a Lea súa
filla; dezaseis persoas por xunto.
19Fillos de Raquel, muller de Xacob: Xosé
e Benxamín.
20A Xosé deulle en Exipto dous fillos Ase-
nat, filla de Potifera, sacerdote de On: Me-
naxés e Efraím.
21Benxamín e seus fillos: Bela, Béquer,
Axbel, Guerá, Naamán, Ehí, Rox, Mupim,
Hupim e Ared.
22Estes son os fillos que Raquel lle deu a
Xacob; catorce persoas por xunto.
23Dan e seu fillo Huxim.
24Naftalí e seus fillos: Iahseel, Guní, Iéser
e Xilem.
25Estes son os fillos que lle deu a Xacob
Bilhah, a criada que Labán lle dera á súa filla
Raquel: sete persoas por xunto.
26O total das persoas que foron a Exipto
con Xacob, todos os seus descendentes, fóra
das súas noras, era de sesenta e seis. 27Cos
dous fillos que lle naceron en Exipto a Xosé,
a familia de Xacob compúñase alí de setenta
persoas.

### Encontro de Xacob e Xosé

28Xacob mandou diante a Xudá para lle
dar novas a Xosé de que estaban chegando
a Goxén. 29Xosé mandou enganchar o carro,
e saíu para Goxén, ao encontro de Israel seu
pai. En véndoo, correu abrazalo e chorou
abrazado a el. 30Israel díxolle a Xosé: –Ago-
ra podo morrer, despois de que te vin vivo
aínda.
31Xosé díxolles a seus irmáns e á familia
de seu pai: –Voulle levar a nova ao faraón:
Viñeron onda min meus irmáns e a familia de
meu pai, que estaba en Canaán. 32Son pasto-
res de rabaños, criadores de gando. Trouxe-
ron os seus fatos, os seus gandos e todo o que
tiñan. 33Cando vos chame o faraón e vos pre-
gunte: "Cal é a vosa profesión?", 34dirédes-
lle: "Os teus servos son criadores de gando,
desde rapaces ata agora; e, coma nós, fórono
xa nosos pais". Dese xeito poderedes asentar
na terra de Goxén, pois os exipcios aborrecen
os pastores de rabaños.

### Xacob diante do faraón

**47** 1Xosé foille dar a nova ao faraón:
–Chegaron de Canaán meu pai e meus
irmáns, cos seus fatos, os seus gandos e todas
as súas posesións e están na terra de Goxén.
2Levaba consigo cinco dos irmáns e pre-
sentoullos ao faraón. 3O faraón preguntou-
lles: –Cal é a vosa ocupación?
Respondéronlle eles: –Os teus servos son
pastores de rabaños, o mesmo ca nosos pais.
4E engadiron: –Viñemos buscar asento
nesta terra, pois en Canaán faltan pastos para
os rabaños dos teus servos e a fame pesa por
alá. Deixa aos teus servos asentarse na bisba-
rra de Goxén.

lle Deus que non saíse (Xén **26**, 2s). Xacob baixa a Exipto en función dos fillos e tendo á vista xa o Éxodo (v. 4).
**46**, 8ss O relato interrómpese por unha xenealoxía da tradición sacerdotal, que presenta os setenta membros da familia de Xacob que baixan a Exipto (Dt **10**, 22).
**46**, 21 Outra lectura posible é: ...Axbel. Fillos de Bela: Guerá, Naamán...

**46**, 28ss *Goxén*, bisbarra no Delta oriental do Nilo, ao norte do país e preto da fronteira cananea, é a terra de pastores á que se refire a tradición da morada dos hebreos en Exipto (Xén **45**, 10; **47**, 1ss; Éx **8**, 18).
**47** Insístese na compracencia que ten o faraón coa familia de Xosé, para mostrar o que este era en Exipto e o que foi para a súa familia.

5O faraón díxolle a Xosé: –Agora que teu
pai e teus irmáns chegaron onda ti, 6aí tes a
terra de Exipto. Acomódaos onde mellor che
pareza de todo o país; que habiten na terra de
Goxén. E se pensas que entre eles hai homes
dispostos, ponos á fronte da garda dos meus
gandos.
7Xosé levou a seu pai Xacob e presen-
toullo ao faraón. Xacob bendiciu ao faraón.
8Este preguntoulle a Xacob: –Cantos anos
tes?
9El respondeulle: –Cento trinta son os
anos da miña peregrinación. A miña vida é
curta e chea de traballos e non alcanza a onde
chegou a vida de meus pais na súa peregri-
nación.
10Xacob bendiciu ao faraón e logo saíu da
súa presenza. 11Xosé acomodou a seu pai e a
seus irmáns, dándolles propiedades en Exip-
to, en terra boa, na bisbarra de Ramsés, con-
forme dispuxera o faraón. 12Xosé mantiña a
seu pai, a seus irmáns e a toda a súa casa,
conforme o seu número.

### Goberno agrario de Xosé

13O pan faltaba xa na terra toda, e a fame
era tan dura, que Exipto e Canaán desfale-
cían. 14Xosé recolleu a prata toda de Exipto
e Canaán, pola venda do trigo, e amoreou
o diñeiro no palacio do faraón. 15Acabouse
o diñeiro en Exipto e en Canaán e todos se-
guían acudindo a Xosé: –Dános pan ou mo-
rreremos aquí mesmo. O diñeiro acabouse.
16Xosé respondeulles: –Se se acabou o di-
ñeiro, traédeme os vosos gandos; daréivolo
gran por eles.
17Eles trouxeron os gandos, e Xosé dába-
lles pan polos cabalos, as ovellas, as vacas,
os burros. Aquel ano proveunos de pan, a
cambio dos seus gandos. 18Pasado ese ano,
viñan onda el no seguinte: –Ao noso señor
non se lle esconde que non nos quedan cartos
nin facendas para o noso señor. O noso señor
pode ver que nos quedan soamente os nosos
corpos e as terras. 19Teremos que perecer á
túa vista? Mércanos por pan a nós e os nosos
eidos e seremos nós con eles escravos do fa-
raón. Dános con que facer a sementeira, para
que poidamos vivir e non morramos e os no-
sos eidos non se convertan en deserto.
20Xosé adquiriu para o faraón as terras
todas de Exipto. A fame apertaba tanto, que
cada exipcio vendía os seus eidos; estes pa-
saban a ser propiedade do faraón. 21O pobo
enteiro quedou en servidume, desde unha
punta á outra do país. 22Soamente non mer-
cou Xosé as terras dos sacerdotes, pois ha-
bía en favor deles un decreto do faraón, que
mandaba mantelos. Por iso os sacerdotes non
venderon as súas terras.
23Xosé díxolle ao pobo: –Vedes que agora
vos adquirín a vós e as vosas terras para o
faraón. Aquí tedes semente para sementar a
terra. 24Cando fagades a colleita, darédeslle
unha quinta parte ao faraón; as outras catro
partes seranvos para semente e para manter-
vos vós, coas vosas familias e os vosos fillos.
25Dixéronlle eles: –Ti déchesnos a vida.
Que o noso señor nos mire con bos ollos; nós
serviremos ao faraón.
26Xosé dispuxo por lei, que dura aínda
hoxe, que todas as terras de Exipto paguen
un quinto ao faraón. Soamente as terras dos
sacerdotes non pasaron ao faraón.

### Derradeira vontade de Xacob

27Israel asentou en Exipto, na bisbarra de
Goxén. Adquiriu propiedades nela, reprodu-
ciuse e medrou moito. 28Xacob viviu deza-
sete anos en Exipto. A súa vida enteira foi
de cento corenta e sete anos. 29Cando se lle
aproximaba a Israel o día da morte, chamou
a seu fillo Xosé e díxolle: –Se merezo o teu
favor, pon debaixo da miña coxa a túa man e
xúrame que me mostrarás o amor e a leálda-
de de non enterráresme en Exipto. 30Cando
durma con meus pais, lévame de Exipto e
entérrame no seu sepulcro.
Respondeulle Xosé: –Farei como me dis.
31Dixo Xacob: –Xúramo.
El xuroullo. E Israel debruzouse na cabe-
ceira do seu leito.

**47**, 5ss Versión sacerdotal.
**47**, 13ss O iavista trata un tema do que xa falara **41**, 37ss. Xosé resolve a situación de fame que lle fora revelada ao faraón nos soños. O relato garda as ideas que tiñan os hebreos de Exipto, da terra case toda propiedade do faraón, dos impostos que a xente pagaba, do poder dos sacerdotes. Mentres os exipcios pagan o pan con todo o que teñen, e mesmo coa súa liberdade, os hebreos adquiren propiedades (v. 27). Pero os exipcios e outros pobos debíanlle a Xosé a supervivencia nos sete anos de fame.
**47**, 29ss O testamento de Xacob, da tradición iavista, é roto polas bendicións para os fillos; volve en **49**, 29-32.
**47**, 29 Rito de xuramento, coma o do criado de Abraham en **24**, 2.
**47**, 30 O tema da promesa da terra queda amentado nesta esixencia de ir repousar nela, mesmo se é despois da morte; o mesmo no testamento de Xosé (**50**, 25). Eses dous testamentos deixan aos fillos de Xacob en tensión cara á terra prometida.

### Xacob bendí aos fillos de Xosé

**48** [1]Pasado algún tempo, dixéronlle a Xosé: –Teu pai está mal.

Entón Xosé tomou consigo a seus dous fillos, Menaxés e Efraím. [2]Déronlle a Xacob a nova: –Teu fillo Xosé vénte ver.

Israel fixo un esforzo e sentou no leito. [3]E díxolle a Xosé: –O Deus todopoderoso aparecéuseme en Luz, na terra de Canaán, e bendiciume. [4]Díxome: "Eu fareite fecundo, multiplicareite, trocareite nunha asemblea de pobos. Aos teus descendentes dareilles esta terra en posesión duradeira". [5]Os dous fillos que che naceron en Exipto, antes de chegar eu onda ti, serán agora meus fillos. Efraím e Menaxés son para min coma Rubén e Simeón. [6]Os fillos que che nazan despois deles serán teus; mais a súa herdade levará o nome dos irmáns. [7]Cando eu viña de Padán, morreume Raquel, en Canaán, no camiño onde está a tumba cerca de Efrátah. E enterreina alí mesmo, no camiño de Efrátah, que é Belén.

[8]Reparando Israel nos fillos de Xosé, preguntou: –E estes quen son?

[9]Xosé respondeulle a seu pai: –Son meus fillos, os que Deus me deu aquí.

Dixo el: –Tráemos aquí, que os bendiga.

[10]Os ollos de Israel, cargados pola vellez, non distinguían. Xosé acercoulle os fillos e el bicounos e abrazounos.

[11]Israel díxolle a Xosé: –Non contaba con verte, e Deus permitiume verte a ti e aos teus descendentes.

[12]Xosé retirou os nenos de entre os xeonllos de seu pai e prostrouse por terra. [13]Despois colleunos aos dous, a Efraím coa súa dereita, á esquerda de Israel, e a Menaxés coa súa esquerda, á dereita de Israel, e achegounos a seu pai. [14]Israel, cruzando os brazos, estendeu a dereita, e púxoa na cabeza de Efraím, o máis novo dos irmáns, e a esquerda na cabeza de Menaxés o primoxénito. [15]E bendiciu a familia de Xosé:

O Deus ante quen camiñaron meus pais, Abraham e Isaac,
o Deus que foi o meu pastor, desde que existo ata hoxe,
[16]o anxo que me librou de todo mal, bendiga estes nenos.
Que resoe neles o meu nome e o de meus pais, Abraham e Isaac,
e que se convertan nun xentío sobre a terra.

[17]Percatouse Xosé de que seu pai puña a dereita na cabeza de Efraím e pareceulle mal. E colleu a man de seu pai para tirala da cabeza de Efraím e levala á de Menaxés, [18]dicindo: –Así non, meu pai; o primoxénito é este. Pon na súa cabeza a túa dereita.

[19]Pero o pai negouse a facelo: –Xa o sei, meu fillo, xa o sei. Tamén este chegará a ser un pobo; tamén el medrará moito. Pero seu irmán máis novo será máis ca el e os seus descendentes farán moitas nacións.

[20]E coa mesma bendiciunos: –No voso nome felicitarase Israel e dirá: "Fágate Deus coma a Efraím e a Menaxés".

E puxo a Efraím por diante de Menaxés. [21]Israel díxolle a Xosé: –Ves que me atopo xa á morte. Deus estará convosco, e levaravos outra vez á terra de vosos pais. [22]A maiores do que lles deixo a teus irmáns, a ti douche unha parte que lles arrebatei aos amorreos coa miña espada e co meu arco.

### Testamento de Xacob

**49** [1]Xacob convocou con estas palabras a seus fillos: –Xuntádevos, e direivos o que vos vai pasar nos tempos que han vir. [2]Reunídevos, e escoitade, fillos de Xacob; escoitade a Israel, voso pai:

[3]Rubén, ti es o meu primoxénito,
a miña forza, a primicia do meu vigor,
primeiro en dignidade,
primeiro en poder.
[4]Arrogante coma as augas,
xa non medras,

**48** As tradicións iavista e elohista, e un pouco da sacerdotal, mestúranse para contaren como Xacob bendiciu e adoptou os fillos de Xosé, Efraím e Menaxés. O feito de que fosen dúas tribos das máis importantes requiría unha lexitimación na súa orixe: eran coma dous fillos de Xacob.
**48**, 7 Refírese aos feitos de **35**, 16-20.
**48**, 12 Poñer os nenos entre os xeonllos pertencía ao rito da adopción (**30**, 3).
**48**, 19 Aínda que estaba cego, Xacob distingue os rapaces. O feito quere dar razón de por que a tribo de Efraím era maior ca a de Menaxés. Tamén está o tema da elección do menor.
**48**, 20 Termos da bendición de Deus a Abraham (**12**, 3).
**48**, 22 *Unha parte* pódese referir a Xequem, onde Xacob adquirira unha propiedade (**33**, 19) e onde sería enterrado Xosé (Xos **24**, 32).
**49** Oráculos, agoiros, historia e fisionomía dos fillos de Xacob e das súas tribos homónimas. Ponse na boca de Xacob, a piques de morrer, como o seu testamento e o herdo que deixa a cada fillo. O que o fixo atopou xa diante del pequenos poemas sobre as tribos e as súas sortes, antes da monarquía e nos comezos da mesma.
**49**, 4 Recórdase o incesto de Rubén (**35**, 22), razón da súa mingua como tribo (Dt **35**, 6).

porque subiches ao leito de teu pai
e, ao subires, profanaches o meu tálamo.

5Simeón e Leví son irmáns
que trafican con instrumentos
de violencia.
6Non quero entrar no seu concello,
nin ser socio da súa asemblea,
pois con asañamento mataron homes,
por capricho esgazaron touros.
7Maldita, por fera, a súa carraxe,
a súa cólera, por dura.
Dividireinos en Xacob,
ciscareinos por Israel.

8Xudá, a ti loarante teus irmáns,
porás a túa man na cerviz
dos teus inimigos,
prostraránseche teus irmáns.
9Xudá é león agachado;
sobes de facer presa, meu fillo.
Coma león, repousa deitado,
coma leoa, quen o fará erguer?
10Non se afastará o cetro de Xudá
nin de entre os seus pés o báculo,
ata que chegue o seu dominador
e os pobos o obedezan.
11Amarra o seu burro na vide,
o seu burriño no bacelo.
Lava en viño o seu manto,
no sangue das uvas a súa túnica.
12Ten os ollos rubios de viño,
os dentes brancos de leite.

13Zebulón asentará na beiramar,
está onde fondean os barcos,
chega coas ás a Sidón.

14Isacar é burro rexo,
deitado nas súas cortes.
15Atopou bo o lugar do seu acougo,
agasalleira a súa terra,
puxo a carga ao lombo,
e someteuse ao traballo de escravos.

16Dan gobernará o seu pobo
coma unha das tribos de Israel.
17Coma cobra no camiño,
coma víbora no carreiro,
morde o cabalo nas unllas
e o cabaleiro cae para atrás.
18Eu espero, Señor, a túa salvación!

19Gad é atacado por ladróns,
pero el ataca por detrás.

20Axer ten pan moi substancioso,
produce manxares de reis.

21Naftalí é corzo ceibe,
que dá corzos fermosos.

22Xosé é árbore frutífera onda a fonte,
gromo que puxa polo muro.
23Os arqueiros provócano,
combáteno e téntano.
24O arco del resiste,
mentres a eles lles tremen
os brazos e as mans,
diante do Deus poderoso de Xacob,
do pastor e da pedra de Israel.
25O Deus de teu pai é a túa axuda,
o Deus todopoderoso bendí o teu ser
con bendicións de arriba, do ceo,
con bendicións de abaixo, do abismo,
con bendicións de peitos e seo.
26As bendicións de teu pai son máis ricas
do que as antigas montañas
e ca as delicias dos outeiros eternos.
Veñan sobre a cabeza de Xosé,
sobre a testa do elixido dos irmáns.

27Benxamín é lobo rapineiro:
pola mañá engole a presa,
pola tarde reparte os despoxos.

28Estas son as doce tribos de Israel e isto o que lles dixo seu pai, cando bendiciu a cada unha coa súa propia bendición. 29Despois

**49**, 5 A violencia deses dous fillos indispuxo a Xacob cos cananeos de Xequem e deixounos a eles sen terra para asentaren (**34**, 25-31).
**49**, 8s Xudá ocupa o primeiro posto entre as tribos. Débello á monarquía de David, que este poema ten á vista.
**49**, 10 Oráculo dinástico para o rei de Xudá (familia de David), lido en clave mesiánica (Núm **24**, 17; Is **11**, 1s; Ez **21**, 32; Miq **5**, 1-3). *Dominador,* lendo "moxeloh", pero tamén se pode entender "aquel a quen lle pertence".
**49**, 15 *Someteuse*..., en xogo coa etimoloxía do seu nome, "asalariado" dos cananeos.
**49**, 16 "Gobernar" ou tamén xulgar, da etimoloxía do mesmo nome.
**49**, 18 Exclamación litúrxica engadida; rompe o texto.
**49**, 22 Despois do de Xudá, o oráculo máis xeneroso é o de Xosé; recorda a fertilidade e o dominio da casa de Xosé (Efraím e Menaxés, Dt **33**, 13-17).
**49**, 27 Sublíñase o carácter guerreiro da tribo de Benxamín.
**49**, 29ss Versión sacerdotal da morte de Xacob. Insiste no seu enterramento na tumba de Abraham (c. **23**).

deulles estas ordes: –Eu estou para ir xuntarme co meu pobo. Enterrádeme con meus pais, na cova que está no eido de Efrón o hitita. [30]É a cova de Macpelah, en fronte de Mambré, en Canaán, a mesma que Abraham lle comprara a Efrón o hitita, para sepultura en propiedade. [31]Alí enterraron a Abraham e a Sara, súa muller; alí enterraron a Isaac e a Rebeca, súa muller; e alí enterrei eu a Lea. [32]O eido e mais a cova que hai nel foron comprados aos hititas.

[33]En acabando de dar as súas ordes, Xacob encolleu os pés na cama, expirou e foi xuntarse cos seus.

### Enterro de Xacob

**50** [1]Xosé botouse enriba da cama de seu pai e, chorando, bicouno. [2]Despois mandou aos médicos, seus servidores, que embalsamasen a seu pai, e os médicos embalsamaron a Israel. [3]Ao cumprírense os corenta días que leva o embalsamamento, os exipcios fixeron loito por Xacob setenta días. [4]Pasados os días do pranto, Xosé falou así aos servidores do faraón: –Se merezo o voso favor, facede chegar a oídos do faraón [5]que meu pai me fixo xurar que, cando morrese, o enterraría na sepultura que se fixo en Canaán. Agora déixame ir, enterrarei a meu pai e volverei.

[6]O faraón respondeulle: –Vai enterrar a teu pai, conforme lle xuraches.

[7]Xosé subiu de alí para enterrar a seu pai. Acompañábano os ministros do faraón, os anciáns da súa corte, os nobres do país, [8]a familia toda de Xosé, seus irmáns, a servidume de seu pai. Soamente deixaron en Goxén os nenos, os rabaños e os gandos. [9]Ían tamén con eles carros e cabaleiros, de xeito que o acompañamento era moi grande. [10]Chegados á eira de Atad, do outro lado do Xordán, fixeron un pranto grande e solemne. Xosé fixo por seu pai un funeral de sete días. [11]Ao veren os cananeos o funeral na eira de Atad, dicían: "Gran loito é este para os exipcios". Por iso chamóuselle a aquel sitio Pranto de Exipto. Está do outro lado do Xordán.

[12]Os fillos de Xacob fixeron conforme el lles mandara. [13]Levárono a Canaán e enterrárono na cova de Macpelah, no eido que Abraham comprara a Efrón o hitita, de fronte a Mambré, para propiedade sepulcral. [14]Despois que enterraron a seu pai, Xosé volveu para Exipto, xunto con seus irmáns e todo o acompañamento fúnebre.

### Comportamento de Xosé con seus irmáns

[15]Despois da morte de seu pai, os irmáns de Xosé pensaron: A ver se Xosé nos garda rancor e nos paga agora o moito mal que lle fixemos. [16]E mandaron dicirlle: –O teu pai ordenounos, antes de morrer: [17]Dicídelle isto a Xosé: "Perdóalles a teus irmáns o seu crime e o seu pecado, cando te trataron mal". Perdoa agora a culpa dos servos do Deus de teu pai.

Cando oíu o que falaban, Xosé botou a chorar. [18]Os irmáns fóronse prostrar diante del para lle dicir: –Somos escravos teus.

[19]Xosé díxolles: –Non teñades medo. Estou eu no lugar de Deus? [20]Vós pensastes facerme mal, pero Deus trocouno en ben, para conseguir o que hoxe vemos: facer vivir un gran pobo. [21]Agora non teñades medo. Eu mantereivos a vós e a vosos fillos.

Xosé consolou a seus irmáns e faloulles ao corazón.

### Morte de Xosé

[22]Xosé viviu en Exipto con toda a familia de seu pai. Cumpriu cento dez anos. [23]Chegou a ver os fillos de Efraím ata a terceira xeración. Tamén a Maquir, fillo de Menaxés, lle naceron fillos nos xeonllos de Xosé. [24]Xosé díxolles a seus irmáns: –Eu estou para morrer. Deus coidará de vós e sacaravos desta terra, para a terra que prometeu con xuramento a Abraham, a Isaac e a Xacob.

[25]Xosé fixo xurar aos fillos de Israel: –Cando veña Deus vervos, levaredes convosco os meus ósos.

[26]Xosé morreu aos cento dez anos. Embalsamárono en Exipto e metérono nun sarcófago.

**50** Do iavista chegounos a versión dos funerais de Xacob; do elohista, a imaxe dos derradeiros días de Xosé; os vv. 12-13 son do sacerdotal. O enterramento de Xacob preséntase con grande solemnidade, con participación mesmo dos exipcios. Ese camiño cara á terra escenifica o agoiro da volta da familia enteira de Xacob a Canaán (**46**, 4).

**50**, 10s Etioloxías de dous nomes de lugares: "Gorén ha-Atad", *Eira de Atad* ou *do espiño*, e "Ébel-Misraim", *Pranto de Exipto*.

**50**, 20 Xunto con **45**, 5, esta pasaxe é unha clave teolóxica para ler como é debido a historia de Xosé. É unha historia sacra. Deus tira dos feitos destrutivos da familia forzas para reconstruíla. O que era perdición, convértese en salvación. Olla cara a diante.

**50**, 24s Repítese a promesa da terra para os irmáns que quedan en Exipto; tamén Xosé quere ir a ela, mesmo despois de morto (Éx **13**, 19; Xos **24**, 32).

# INTRODUCIÓN AO ÉXODO

## 1. O libro do Éxodo: as tres etapas que vive o pobo

*O* Éxodo *é o libro da saída. Na súa primeira parte mostra aos fillos dos patriarcas oprimidos en Exipto, Moisés á fronte deles, loitando pola liberación, e o pobo todo cos seus bens atravesando a fronteira dos inimigos e póndose a salvo (**1**, 15). Pero con iso non se esgota o contido do libro. O seu nome non o di todo. No segundo momento o pobo liberado de Exipto atópase loitando co deserto, camiñando cara a un país que o atrae coma un paraíso (**15**, 18). No seu traballoso camiñar atinxe un punto, no que se vai deter. É o monte de Deus, o Sinaí, a onde dixeran de ir para ofrecer culto a Iavé. Aquí –terceiro momento– o pobo toma parte nun acontecemento singular e recibe estatutos que lle aclararán quen é, cando alguén de fóra ou os seus propios fillos llo pregunten. O acontecemento é a alianza (**19**, 24; **32-34**), que Israel actualizará despois na súa celebración. Os estatutos son a Lei, que pertence á alianza. O Éxodo non contén a Lei enteira; pero si tres dos seus códigos e parte dun cuarto, segundo as divisións e os nomes polos que nós os coñecemos: o decálogo de Moisés (**20**, 1-17), o libro da alianza (**20**, 22-**23**,19), o decálogo cúltico (**34**, 14-26) e longos capítulos do código sacerdotal, que se refiren á instalación do santuario e á institución do sacerdocio (**25-31**; **35-40**).*

## 2. O contido do libro: unha ollada cara atrás e outra cara adiante

*O Éxodo no seu contido non é un libro independente. Os tres momentos que o compoñen son aneis dunha cadea, que ten unha punta cara atrás, no libro da Xénese, e outra cara adiante, no que segue do Pentateuco. O pobo que, por un dicir, impón medo aos exipcios de tanto que creceu, é a familia de Xacob, que se compuña de setenta persoas cando descendera alí, sendo Xosé vicerrei de Exipto. O home que dirixe o movemento da escapada é un novo patriarca, Moisés. O protagonista transcendente, que no Éxodo leva o nome de Iavé, non é outro senón o Deus dos pais, que forza a saída dos oprimidos, que os leva cara á súa terra e que lles dá o que lles cómpre, conforme a súa promesa aos patriarcas. Pero nada disto remata no mesmo libro do Éxodo, senón que segue para adiante e abrangue os outros libros.*

*No seu aspecto literario o Éxodo fai parte, igualmente, da obra maior que é o Pentateuco. As tres grandes versións da tradición común de Israel (iavista, elohista e sacerdotal) que encontramos na Xénese, seguen agora aquí.*

## 3. A xeografía do libro: desde Exipto ata o Sinaí

*A xeografía do Éxodo ten tamén a súa correspondencia coa do resto do Pentateuco. Na Xénese hai un movemento da terra de Canaán cara a Exipto; no Éxodo o movemento é inverso. Pero a volta completa non se ve neste libro, senón nos que lle seguen, incluíndo Xosué. A acción do Éxodo desenvólvese en dous sitios e no camiño que os une: Exipto e o Sinaí, atravesando o Mar Vermello e un deserto. A familia de Xacob asentara, segundo a Xénese, na bisbarra de Goxén, que está no Delta oriental, ao norte de Exipto. Entre ese punto e Canaán interponse unha fronteira natural de mar e de lagoas, a fronteira política que separa os países, e un deserto. O pobo que sae con Moisés chega, no libro do Éxodo, ao deserto do Sinaí. A súa localización non é tan fácil como a do punto de partida. Hoxe hai moitos que buscan o lugar da alianza no NO de Arabia, ao oriente de Aqaba, porque alí se pensa que era o país dos madianitas e porque é terra volcánica, cousa que acaería ben con certos trazos da teofanía sinaítica (**19**, 18). Para outros, emporiso, a mellor localización é a bisbarra montañosa do sur da península que hoxe se chama Sinaí, como veñen dicindo os cristiáns desde os primeiros séculos. Do camiño que seguiron os hebreos de Exipto ao Sinaí non quedou rastro certo.*

## 4. O seu valor histórico

*O valor histórico do libro non é o máis sobresainte. Pero dos acontecementos e dos feitos que se refiren nel non existe outra fonte directa. A saída dos hebreos de Exipto é un feito seguro da historia. Nos documentos exipcios non hai probas, pero hai de sobra razóns para facela verosímil no derradeiro cuarto do século XIII a. C. Ramsés II, construtor de obras no Delta oriental, sería o*

*opresor; Mernéftah, o seu sucesor, o faraón do éxodo. Á luz deses e doutros feitos, o relato do Éxodo adquire valor, aínda que non queira ser xénero histórico. Os hebreos que saen de Exipto non son o pobo de Israel; son clans que máis adiante comporán algunhas das súas tribos, como as da familia de Xosé (Efraím e Menaxés) e a tribo de Leví. A maneira como saíron non se pode recompoñer. O relato do Éxodo permite imaxinar os momentos e os feitos máis relevantes. Do acontecemento no Sinaí non hai moito que dicir que sirva para a historia: unha experiencia teofánica nun lugar onde había un santuario, coa ocasión dunha tempestade, dun terremoto ou dun volcán.*

## 5. A teoloxía do libro do Éxodo

*O valor que ninguén lle regatea ao libro do Éxodo está na súa teoloxía. Máis ca historia, ou lei ou outra cousa, o libro é proclamación, catequese, documento relixioso. Certo, o que proclama e o que ensina ten que ver con acontecementos da historia. A primeira parte do Éxodo é unha longa catequese, feita doutras máis vellas, na que se expón o artigo máis primitivo e central da fe do pobo bíblico: Deus librou da escravitude ao seu pobo. A liberación de Exipto volveuse paradigma de todas as liberacións. A festa da Pascua recorda e celebra a liberación primeira e as que teñen lugar a cada paso na historia, ata a liberación definitiva que se agarda. As tradicións do deserto mostran o pobo en camiño, loitando coas pexas que arredan a liberdade e, coa mesma, dando pasos cara adiante, seguindo os sinais de Deus. A alianza do Sinaí, acontecemento ben remoto, seguiu tendo o sentido dun verdadeiro sacramento. O pobo entendeuno como a súa constitución. Nacido como pobo da alianza con Deus, foi nela onde atopou lugar e termos para manter sempre viva a súa autocomprensión. A alianza coa súa lei deulle unha guía na que podía aprender pouco a pouco a facerse pobo de Deus.*

# ÉXODO
## A LIBERACIÓN

### Os fillos de Xacob

**1** [1]Estes son os nomes dos israelitas que foron a Exipto con Xacob, cada un coa súa familia: [2]Rubén, Simeón, Leví, Xudá, [3]Isacar, Zebulón, Benxamín, [4]Dan, Naftalí, Gad e Axer. [5]As persoas que descendían directamente do sangue de Xacob eran setenta. Xosé xa estaba en Exipto. [6]Morto Xosé e seus irmáns e toda aquela xeración, [7]os israelitas medraron, propagáronse, creceron, fixéronse moi fortes, enchían o país.

### Opresión dos hebreos en Exipto

[8]Subiu ao trono de Exipto un rei novo, que non coñecera a Xosé, [9]e díxolle ao seu pobo: –Mirade que o pobo dos israelitas é máis forte ca nós. [10]Imos tratalo con astucia, non sexa que, se se declara unha guerra, se axunte cos nosos inimigos, pelexe contra nós e logo saia do país.

[11]Asignáronlles, pois, capataces, co fin de oprimilos con traballos, cando construían as cidades-depósitos de Pitom e de Ramsés. [12]Pero, canto máis os oprimían, máis se multiplicaban eles e máis se propagaban. [13]Os exipcios asoballáronos con fera opresión, [14]amarguexáronlles a vida co duro labor do barro, dos ladrillos, coa labranza da terra, e con toda sorte de traballos, impostos con brutalidade. [15]Por parte, o rei de Exipto deu esta orde ás parteiras das hebreas, chamadas unha Xéfora e outra Púah: [16]–Cando asistades aos partos das hebreas, fixádevos no sexo: se nace varón, matádeo; se nace femia, que viva.

[17]Mais as parteiras mostráronse temerosas de Deus, e non fixeron caso do que lles mandara o rei de Exipto. Deixaban os nenos con vida. [18]El fíxoas chamar, para dicirlles: –Por que facedes iso de deixar nenos con vida?

[19]Respondéronlle elas: –As mulleres hebreas non son coma as exipcias. Son fortes e paren primeiro de que chegue onda elas a parteira.

[20]Deus premiou as parteiras. O pobo medraba e facíase moi forte. [21]Por temeren a Deus, tamén as parteiras viron crecer as casas delas. [22]Entón ordenou o faraón ao seu pobo: –Todo neno que naza, botarédelo ao río; as nenas deixádeas que vivan.

### Nacemento e crianza de Moisés

**2** [1]Un home da tribo de Leví casou cunha muller da mesma tribo. [2]A muller quedou embarazada e deu a luz un neno. Atopábao moi fermoso e mantívoo encuberto por tres meses. [3]Cando xa non podía encubrilo por máis tempo, colleu unha cesta de xuncos, embreouna de betume e de pez, meteu o neno nela e deixouna nunha xunqueira, á beira do río. [4]Unha irmá do neno axexaba desde lonxe, para ver que ía ser del. [5]Baixou a filla do faraón para se bañar no río e, mentres as súas doncelas paseaban polas beiras, viu a cesta na xunqueira e mandou á súa serva que a trouxese. [6]Abriuna e viu nela un neno que choraba. Condoída del, dixo: –É un neno dos hebreos.

[7]A irmá do neno díxolle á filla do faraón: –Queres que vaia buscar unha muller hebrea que o críe?

[8]Respondeulle ela: –Vai.

E a rapaza foi chamar a nai do neno.

**1**, 1 Para preparar o éxodo, tema que enche a primeira parte deste libro, este capítulo presenta aos hebreos oprimidos, lonxe da prosperidade que tiveran cando en Exipto mandaba Xosé.

**1**, 1-5 Seguindo a tradición sacerdotal, recórdanse as persoas coas que acababa a Xénese. As mesmas setenta persoas, compoñentes das doce tribos dos fillos de Xacob, son agora os protagonistas (Xén **46**, 1-27).

**1**, 6 Sobre a morte de Xosé, Xén **50**, 22-26.

**1**, 7 O dato do crecemento do pobo mostra que se cumpre a promesa (Sal **105**, 24); mais agora xurdirán forzas que teimarán por interromper o crecemento.

**1**, 11 A servidume dos hebreos preséntase aquí como traballo forzado. Parece que este traballo ten que ver con construcións fronteirizas, do tempo de Ramsés II, no Delta oriental. Para pastores seminómades esa sorte de traballo ten sempre significado opresor. Máis sobre o mesmo, en **5**, 6-23.

**1**, 15 Estoutra modalidade da opresión sería aínda máis grave. A supresión de todos os nenos ao naceren acabaría axiña co pobo. O tema prepara o da infancia de Moisés, que vén despois. Pero quizais é o relato da infancia a orixe dese xeito de opresión, mais inverosímil como historia.

**1**, 16 *Sexo*, literalmente "pedras", que, en vez de sexo, tamén poderían referirse aos dous lados do asento onde se puña a muller para dar a luz.

**2** A infancia de Moisés, das tradicións iavista e elohista, é máis teoloxía ca historia. Ten a mesma estrutura doutras historias de infancia, que mostran na raíz da existencia da persoa o que esta ía ser e significar para un pobo. Moisés é o primeiro liberado dun destino de morte que agardaba a todos os hebreos. Irá diante do seu pobo ao encontro de Deus, para ensinarlle o camiño.

**2**, 1 Moisés aparece vinculado coa tribo de Leví (**6**, 20).

[9]Díxolle a filla do faraón: –Leva este neno e críamo; pagareiche o debido.

Ela colleu o neno e criouno. [10]Cando o neno era xa grande, levoullo á filla do faraón, que o adoptou como seu fillo. Púxolle por nome "Moisés", dicindo: "Das augas o saquei".

**Moisés mata un exipcio e foxe a Madián**

[11]Cando Moisés era xa grande, foi un día visitar a seus irmáns, e atopounos coas súas cargas. Viu tamén que un home exipcio batía nun hebreo de entre seus irmáns. [12]Mirou para un lado e para o outro, e certificando que non había ninguén, matou ao exipcio e enterrouno na area. [13]Saíu ao día seguinte e viu dous hebreos pelexando. Díxolle ao agresor: –Por que bates no teu compañeiro?

[14]Respondeulle el: –Quen te puxo de xefe ou de xuíz entre nós? Ou pensas matarme, como mataches ao exipcio?

Moisés colleu medo, pensando: A cousa xa se soubo.

[15]A nova chegou ao faraón, que mandou buscar a Moisés para matalo. Pero Moisés fuxiu do faraón e foise refuxiar en Madián. Sentado á beira dun pozo, [16]chegaron sete fillas que tiña o sacerdote de Madián, para sacaren auga e con ela encher os píos e abeberar o rabaño de seu pai. [17]Viñeron os pastores e botáronas de alí. Pero Moisés saíu na defensa delas e abeberoulles os rabaños. [18]En volvendo elas onda seu pai Reuel, este preguntoulles: –Como é que vides tan cedo hoxe?

[19]Respondéronlle elas: –Un home exipcio librounos dos pastores, sacounos a auga do pozo e abeberou o noso rabaño.

[20]El preguntoulles: –E onde está? Como deixastes que se fose? Chamádeo para comer.

[21]Moisés aceptou habitar con Reuel e este deulle por muller a súa filla Séfora. [22]Esta deulle a luz un fillo, ao que lle puxo o nome de Guerxom, pensando: Son forasteiro en terra allea.

[23]Pasado moito tempo, morreu o rei de Exipto. Os israelitas queixábanse e berraban na súa servidume, e os seus xemidos subiron onda Deus. [24]Deus escoitou o seu pranto, lembrou o seu pacto con Abraham, con Isaac e con Xacob, [25]fixouse nos israelitas, recoñeceu os seus sufrimentos.

**A vocación de Moisés**

**3** [1]Moisés pastaba os rabaños de seu sogro Ietró, sacerdote de Madián. Levaba polo deserto os rabaños e unha vez chegou ata a montaña de Deus, o Horeb. [2]Nunha laparada, no medio dunha silveira, apareceulle o anxo do Señor. Moisés reparou na silveira que ardía e que non se consumía. [3]E dixo para si: Voume chegar alá, para observar este fenómeno e saber por que non se consome a silveira. [4]En vendo o Señor que Moisés se achegaba para ver, chamouno desde a silveira: –Moisés! Moisés!

El respondeu: –Aquí estou.

[5]Díxolle Deus: –Non te achegues aquí. Tira as sandalias dos pés, pois o sitio onde estás é terra sagrada. [6]E engadiu: –Eu son o Deus de teu pai, o Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob.

Moisés tapou a cara, polo medo de ver a Deus. [7]O Señor díxolle: –Teño visto as miserias do meu pobo en Exipto, oín as súas queixas contra os seus opresores, coñezo os seus sufrimentos. [8]Vou baixar e libralos do poder dos exipcios, e levalos desta terra a unha terra boa e largacía, terra que deita leite e mel, aos lugares dos cananeos, dos hititas, dos amorreos, dos pericitas, dos hivitas

**2**, 10 Derívase o nome do neno do verbo que significa "sacar", referíndose ás circunstancias nas que foi encontrado. A etimoloxía máis convincente, en razón do contexto, sería a que ve no nome de Moisés parte dun nome teofórico exipcio, coma Ahmosis, Tutmoses, Rameses, "fillo" dos deuses respectivos. Moisés foi adoptado por Exipto, de onde terá que saír para ser do seu pobo.

**2**, 11 Polo relato iavista sabemos que Moisés se vai axiña para onda a súa xente, métese na súa condición e forza o seu éxodo.

**2**, 18 O sogro de Moisés, chamado agora Reuel, é tamén coñecido polos nomes de Ietró (**3**, 1) e de Hobab (Núm **10**, 29), conforme as varias correntes da súa tradición. En Madián estaba o monte santo, o lugar da teofanía de Iavé a Moisés e logo ao seu pobo (c. **19**). A relación de Moisés cos madianitas, expresada polo matrimonio coa filla de Ietró, debeu ser importante na orixe da relixión iavista (c. **18**).

**2**, 22 O primeiro elemento do nome, "estranxeiro", vén dicir que Moisés non ten a patria alí, senón cos seus.

**2**, 23-25 Conforme á teoloxía sacerdotal, o berro desde a opresión encontra acollida onda o Deus dos pais. A liberación da servidume preséntase ligada coa alianza patriarcal.

**3** Vocación e misión de Moisés, da tradición iavista, con elementos da elohista (vv. 9-15).

**3**, 1 *A montaña de Deus*, que na tradición elohista e no Dt se chama Horeb, é a montaña do Sinaí (**19**, 1).

**3**, 2 O anxo que se mostra no lume é Deus mesmo (Xén **16**, 7). O lume é o sinal da teofanía na tradición iavista (Xén **15**, 17; Éx **19**, 18).

**3**, 5 Respecto ao lugar sacro (Xén **28**, 16s; Éx **19**, 12).

**3**, 6 A condición do home non ten capacidade para ver o Deus infinito (**33**, 20; Lev **16**, 2).

**3**, 8 Para falar da terra prometida cuñouse a expresión *terra que deita leite e mel* (v. 17).

e dos iebuseos. [9]O pranto dos israelitas chega xa onda min, e tamén teño visto como os oprimen os exipcios. [10]Agora anda. Mándote onda o faraón, para que saques de Exipto o meu pobo, os fillos de Israel.

[11]Moisés díxolle a Deus: –Quen son eu para ir onda o faraón e para sacar os israelitas de Exipto?

[12]Respondeulle Deus: –Eu estarei contigo. E este será o sinal de que eu te mando: Cando saques o pobo de Exipto, adoraredes a Deus nesta montaña.

[13]Moisés replicou: –Xa me estou vendo chegar onda os israelitas e dicíndolles: "O Deus de vosos pais mándame onda vós". Mais eles preguntaranme: "E cal é o seu nome?". Que lles direi eu entón?

[14]Deus respondeulle a Moisés:

–EU SON O QUE SON.

E engadiu: –Diraslles así aos israelitas:

"EU SON mándame onda vós".

[15]E mandoulle aínda: –Diraslles tamén aos israelitas: "Iavé, o Deus de vosos pais, o Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob mándame onda vós. Ese será o meu nome para sempre. Por el invocaranme todas as xeracións". [16]Agora vai, xunta os anciáns de Israel e dilles: "Iavé, o Deus de vosos pais, o Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob, aparecéuseme e díxome: Veño visitarvos, pois xa vin como vos tratan en Exipto. [17]Teño decidido sacarvos da miseria de Exipto e levarvos ao país dos cananeos, dos hititas, dos amorreos, dos pericitas, dos hivitas e dos iebuseos, unha terra que deita leite e mel". [18]Eles faranche caso, e ti e mais os anciáns de Israel iredes onda o rei de Exipto e dirédeslle: "Iavé, o Deus dos hebreos, veu ao noso encontro e agora temos que facer polo deserto unha viaxe de tres días, para ofrecermos sacrificios a Iavé, o noso Deus". [19]Eu sei que o rei de Exipto non vos deixará saír, se non é forzado por man rexa. [20]Pero eu alongarei a miña man e ferirei a Exipto. Obrarei alí moitos prodixios, e deixaranvos saír. [21]Farei tamén que este pobo encontre o favor dos exipcios. Dese xeito, cando saian, non sairán coas mans baldeiras. [22]As mulleres pediranlles ás súas veciñas e ás súas hospedeiras obxectos de prata e de ouro e roupas para vestir os vosos fillos e fillas, e así levaredes botín de onda os exipcios.

### Deus confirma a misión con sinais

**4** [1]Moisés díxolle ao Señor: –Os israelitas non me crerán nin farán caso de min. Dirán: "O Señor non se che apareceu".

[2]O Señor preguntoulle: –Que é iso que tes na man?

El respondeu: –Unha vara.

[3]O Señor díxolle: –Tíraa no chan.

El tirouna. A vara converteuse nunha cobra, e Moisés fuxía dela.

[4]O Señor mandou a Moisés: –Bótalle a man e cóllea polo rabo.

El botoulle a man e agarrouna. E a cobra trocouse de novo en vara na súa man.

[5]–Isto é para que crean que se che apareceu o Señor, o Deus de teus pais, Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob. [6]O Señor díxolle aínda: –Mete a túa man no peito.

El meteuna e, ao sacala, viu que estaba coa lepra, branca coma a neve. [7]Díxolle o Señor: –Mete outra vez a man no seo.

El meteuna e, ao sacala, viu que estaba coma o resto do seu corpo.

[8]–Se non cren nin che fan caso ao primeiro sinal, crerán e farancho ao segundo. [9]Pero se non cresen nin te escoitasen por ningún destes sinais, collerás auga do Nilo, verterala no chan e volverase alí mesmo en sangue.

**3**, 10 O "mandado" comporta vocación e misión, coa forza de Deus para cumprir o cometido de "sacar" a Israel da servidume.

**3**, 14 A tradición elohista conta aquí a revelación do nome divino de Iavé a Moisés (a sacerdotal en Éx **6**, 2). O iavista non conta esa revelación e usa o nome desde o comezo (Xén **2**, 4; **4**, 26). O nome Iavé ten outras formas máis curtas (Iah, Iahu...), e pode ser anterior aos hebreos. Atopouno Moisés onda os madianitas? A explicación filolóxica que o texto quere dar do nome, tirado do verbo ser ("haiah"), non parece moi convincente, porque o nome é anterior a esa explicación. Nesta é onde está o interese do texto, porque di o que o nome veu significar para Israel. "Eu son o que son" non parece que deba entenderse como afirmación óntica ("eu son o ser" ou "o que produce o ser"), senón existencial: "eu son o que vós veredes que son", ou tamén "eu son o que estou convosco". Deus pon así o seu nome na súa presenza percibida, nas obras que o revelan. O relato todo do éxodo sería un comentario do seu nome. Nos seus feitos verán os israelitas e verán os exipcios que é El o que está, o que actúa. Conforme iso, Deus revela o seu nome sempre que deixa sentir a súa presenza. Parece que os relatos teñen todos moito empeño en facer ver que non é un Deus novo, senón o Deus dos pais.

**3**, 21s A idea de levar cousas, de espoliar, de saír co botín da vitoria ou de recibir compensación pola servidume padecida, revén moitas veces (Éx **11**, 2s; **12**, 35s; Sab **10**, 17).

**4** Segue a tradición iavista coa súa versión da misión de Moisés e coa corroboración da mesma, cando el, coma moitos profetas, pon escusas (Xer **1**, 6). Terá poder de facer milagres e encontrará en Aharón un profeta do profeta: un que fale no seu nome, que diga o que El poña na súa boca.

**4**, 2 Esta *vara* (vv. 17. 20) parécese á dos magos; pero con ela fará os sinais, que mostrarán que é Deus quen loita para salvar a Israel (Éx **7**, 20; **9**, 22s; **10**, 13).

10Moisés desculpouse: –Ai, Señor; eu non
son home de labia: non o era antes de hoxe,
nin o son desde que ti falas co teu servo. Son
torpe de palabra e de lingua.
11Respondeulle o Señor: –Quen lles dá aos
homes a boca? Quen os fai mudos ou xordos,
tortos ou cegos? Non son eu, o Señor? 12Ago-
ra, ti vai. Eu estarei na túa boca e ensinarei-
che o que has dicir.
13Moisés dixo: –Ai, Señor; manda outro, o
que a ti che pareza.
14O Señor enfadouse con Moisés e díxo-
lle: –Non está aí teu irmán Aharón, o levita?
Eu sei que el é un home de palabra fácil. El
sairá ao teu encontro e alegrarase de verte.
15Ti falaraslle a el e porás as miñas palabras
na súa boca. Eu estarei na túa boca e na del e
ensinareivos o que habedes facer. 16El falará
por ti ao pobo. Será o teu voceiro e ti serás
para el coma Deus. 17Leva na man esa vara,
coa que farás os sinais.

### Moisés volve a Exipto

18Moisés volveu para a casa de seu sogro
Ietró e díxolle: –Quero volver a Exipto, onde
están meus irmáns, para ver se aínda viven.
Respondeulle Ietró: –Vai en paz.
19O Señor dixéralle en Madián a Moisés:
–Corre, volve a Exipto, pois os que querían
matarte xa morreron.
20Moisés colleu a súa muller e os seus
fillos, montounos nun burro e volveu para
Exipto. Na man levaba Moisés a vara de
Deus. 21O Señor díxolle a Moisés: –En vol-
vendo a Exipto, farás diante do faraón os
moitos milagres para os que eu che darei
poder. Eu endurecerei o seu corazón e non
deixará saír o pobo. 22Ti diraslle: "Así di o
Señor: Israel é meu fillo primoxénito. 23E
eu dígoche: Deixa saír a meu fillo, para que
veña darme culto. Se te negas a deixalo, eu
matarei o teu fillo primoxénito".
24Nunha pousada, ao longo da viaxe, o
Señor saíulle ao paso a Moisés e tratou de
matalo. 25Séfora colleu deseguido unha lasca
de pedra, cortoulle o prepucio a seu fillo e
acercoullo ás partes de Moisés, dicindo: "Ti
es esposo de sangue para min". 26O Señor
deixouno, en canto ela dixo esposo de san-
gue, referíndose á circuncisión.
27O Señor díxolle a Aharón: –Diríxete ao
deserto, ao encontro de Moisés.
El foi, encontrouse con el na montaña de
Deus e bicouno. 28Moisés referiulle a Aharón
o que o Señor lle dixera, como o enviara e os
sinais que lle mandara facer. 29Moisés e Aha-
rón chegaron e reuniron a todos os anciáns de
Israel. 30Aharón referiulles o que o Señor lle
dixera a Moisés e este fixo á vista do pobo os
sinais. 31O pobo creu. E en oíndo que o Señor
visitaba os israelitas e coidaba deles na opre-
sión, axeonlláronse e adorárono.

### Primeiro encontro co faraón

**5** 1Moisés e Aharón presentáronse ao faraón
para lle dicir: –Isto di Iavé, o Deus de Is-
rael: "Deixa saír o meu pobo, para que cele-
bre a miña festa no deserto".
2Respondeulles o faraón: –E quen é Iavé,
para que eu o obedeza e deixe saír a Israel?
Non coñezo a Iavé, e non deixarei saír a Israel.
3Eles dixeron: –O Deus dos hebreos chá-
manos. Déixanos facer polo deserto unha
viaxe de tres días, para ofrecermos un sacrifi-
cio a Iavé o noso Deus, e que non nos fira coa
peste ou coa espada.
4O rei de Exipto respondeulles: –Moisés
e Aharón, por que molestades o pobo no tra-
ballo? Ide cumprir co voso labor. 5E engadiu:
–Eles son un pobo xa numeroso no país e
agora queredes que deixen o traballo.

### Os traballos forzados dos hebreos

6Aquel día ordenoulles o faraón aos capa-
taces e aos gardas: 7–Non sigades dándolle
palla a esa xente que prepara os adobes, como
faciades ata agora. Que a busquen eles mes-
mos. 8Pero esixirédeslles a mesma cantidade

**4**, 14 Aharón cumpre aquí a función de portavoz de Moisés, o seu "profeta"; dese xeito enténdese o profeta con respecto a Deus.
**4**, 20 Outras veces fálase soamente dun fillo, Guerxom (**2**, 22; **4**, 25); en **18**, 4 aménstase un segundo fillo, Eliézer. Segundo esta pasaxe, os fillos de Moisés non foron con el a Exipto, nin tampouco a súa muller.
**4**, 23 A resistencia do faraón a deixar saír os hebreos vese xa ameazada coa morte do seu primoxénito; iso converterase logo na morte de todos os primoxénitos de Exipto (**11**; **12**, 29-34). Israel é para Deus, o seu salvador, o "meu fillo" (Dt **1**, 31).
**4**, 24-26 Esta é unha pasaxe enigmática. Dalgún xeito recorda a loita de Xacob onda o Iaboc (Xén **32**, 26-33). Parece falar da circuncisión de Moisés, ameazado por estar incircunciso. A súa muller circuncida o fillo e toca co prepucio as partes de Moisés; sería un rito simbólico da súa circuncisión.
**5** Comeza a loita pola liberación, na versión do iavista. A situación dos hebreos oprimidos empeora. Aclárase en que consisten os traballos forzados, a construción das obras de Pitom e Ramsés (**1**, 11-14).
**5**, 1 A razón da saída é dar culto a Iavé ou celebrar a súa festa no deserto (**3**, 18; **7**, 16. 26; **8**, 4. 16. 23; **9**, 1. 13; **10**, 3. 24). A liberación concorda con iso.

de adobes que facían ata hoxe, sen rebaixarlles nada, pois son uns lacazáns. Por iso berran, dicindo: "Queremos ir ofrecer un sacrificio ao noso Deus". [9]Póndelle a esa xente un traballo máis duro. Que se entreteñan con el e que non lles dean creto a contos mentireiros.

[10]Foron os capataces e os gardas e faláronlle ao pobo: –Isto di o faraón: "Non seguirei provéndovos de palla". [11]Ide vós mesmos buscala onde queira que a haxa. Pero a vosa tarefa non ha minguar en nada.

[12]A xente espallouse por toda a bisbarra, á pescuda de restrollo para a palla dos adobes. [13]Os capataces apremábanos, dicíndolles: –Acabade a xeira do día, como cando tiñades palla.

[14]Os capataces do faraón batían nos inspectores israelitas que eles mesmos puxeran á cabeza da xente, e dicíanlles: –Por que non completades agora a cantidade asignada, coma nos días pasados?

[15]Os inspectores israelitas fóronse queixar ao faraón: –Por que tratas os teus servos deste xeito? [16]Sen nos daren a palla, esíxennos que fagamos os adobes. Os teus servos levan os paus, cando a culpa é do teu pobo.

[17]O faraón respondeulles: –Lacazáns é o que vós sodes, lacazáns. Por iso andades dicindo: "Queremos ir ofrecer un sacrificio a Iavé". [18]Ide traballar agora mesmo. Non se vos dará a palla; pero vós entregaredes os adobes que vos tocan.

[19]Os inspectores israelitas víronse nun aperto, cando lles dixeron: "Non minguará en nada a cantidade de adobes asignada". [20]E, ao que saíron de ver o faraón, foron falar con Moisés e Aharón, que os estaban agardando. [21]Dixéronlles: –Que o Señor olle o voso feito e que xulgue. Fixéstesnos aborrecer polo faraón e polos seus servidores e puxéstesnos na man a espada para que nos maten.

[22]Moisés volveuse cara ao Señor e rogou: –Señor, por que aflixes a este pobo? Para que me mandaches? [23]Desde que entrei onda o faraón para falarlle no teu nome, el trata peor o teu pobo, e ti non fas nada por libralo.

### Iavé, o Deus dos pais

**6** [1]O Señor díxolle a Moisés: –Agora verás o que vou facer co faraón. Forzado por man rexa, deixaravos saír e mesmo vos botará da súa terra. [2]Deus seguiu dicindo: –Eu son Iavé. [3]Aparecinme a Abraham, a Isaac e a Xacob co nome de Deus todopoderoso; pero non lles dei a coñecer o meu nome Iavé. [4]Eu fixen con eles un pacto: darlles o país de Canaán, terra na que viviron coma forasteiros. [5]Estou escoitando as queixas dos israelitas que os exipcios asoballan; teño en conta o meu pacto. [6]Dilles, pois, aos israelitas: "Eu, Iavé, tirareivos de debaixo da carga que vos impoñen os exipcios, sacareivos da súa servidume, librareivos con brazo estendido e con grandes escarmentos. [7]Tomareivos coma meu pobo e eu serei o voso Deus. Saberedes que eu son Iavé, o voso Deus, o que vos tirou de debaixo da carga dos exipcios. [8]Levareivos á terra que xurei darlles a Abraham, a Isaac e a Xacob, e daréivola a vós en posesión. Eu, Iavé".

[9]Moisés díxolles aos israelitas todo iso. Pero non lle fixeron caso, polo desfalecemento do espírito baixo a dureza do traballo.

[10]O Señor díxolle a Moisés: [11]–Vai onda o faraón, rei de Exipto, e dille que deixe saír os israelitas da súa terra.

[12]Moisés respondeulle: –Se non me fan caso os israelitas, como mo vai facer o faraón, sendo eu tan torpe de palabras?

[13]Pero o Señor seguiu falando con Moisés e Aharón e dándolles as súas ordes para os israelitas e para o faraón, rei de Exipto, co fin de sacar de alí aos israelitas.

### Xenealoxía de Moisés e Aharón

[14]Estes foron os xefes dalgunhas familias patriarcais.

Fillos de Rubén, primoxénito de Israel: Hanoc, Palú, Hesrón e Carmí. Estes son os clans de Rubén.

[15]Fillos de Simeón: Iemuel, Iamín, Ohad, Iaquín, Sohar e Xaúl, o fillo da cananea. Estes son os clans de Simeón.

[16]Estes son os nomes dos fillos de Leví, conforme as súas xeracións: Guerxón, Quehat e Merarí. Leví viviu cento trinta e sete anos.

[17]Fillos de Guerxón: Libní e Ximí, coas súas familias.

[18]Fillos de Quehat: Amram, Ishar, Hebrón e Uziel. Quehat viviu cento trinta e tres anos.

[19]Fillos de Merarí: Mahlí e Muxí.

**5**, 21 O pobo rebélase contra o liberador, que lle carrexa inconvenientes.
**6**, 2 ss Esta é a versión sacerdotal da vocación de Moisés, coa revelación do nome de Iavé (**3**, 13-15).
**6**, 3s A alianza patriarcal dáse como razón de que Deus escoite agora aos descendentes e os salve; baixo o seu novo nome, Deus revélase salvador.
**6**, 7 Esta é a fórmula da alianza, coa afirmación das dúas pertenzas (Lev **26**, 12; Dt **26**, 17-19).
**6**, 8 A promesa patriarcal, no capítulo da terra (Xén **13**, 14-17; **15**, 18).
**6**, 14ss A xenealoxía de Moisés e de Aharón, da tradición sacerdotal, quere facer ver a ascendencia levítica de Moisés e dar nomes aos descendentes de Aharón.

Estes son os clans de Leví, conforme as súas xeracións.
[20]Amram tomou por muller á súa parente Ioquébed, que lle deu a Aharón e a Moisés. Amram viviu cento trinta e sete anos.
[21]Fillos de Ishar: Córah, Néfeg e Zicrí.
[22]Fillos de Uziel: Mixael, Elsafán e Sitrí.
[23]Aharón tomou por muller a Elixeba, filla de Aminadab e irmá de Nahxón; ela deulle por fillos a Nadab, Abihú, Elazar e Itamar.
[24]Fillos de Córah: Asir, Elcanah e Abiasaf. Estes son os clans de Córah.
[25]Elazar tomou por muller unha das fillas de Futiel, que lle deu a Pinhás.
Estes son os xefes das familias dos levitas, conforme os seus clans.
[26]Foi a Aharón e a Moisés aos que lles dixo o Señor: "Sacade as multitudes dos israelitas de Exipto"; [27]os que falaron ao faraón, rei de Exipto, de deixalos saír de alí. Eses foron Moisés e Aharón.
[28]Cando o Señor falou con Moisés en Exipto, [29]díxolle: –Eu son Iavé. Repítelle ao faraón, rei de Exipto, todo o que eu che digo.
[30]Respondeulle Moisés: –Como me fará caso o faraón, sendo eu tan torpe de palabra?

### Aviso das pragas

**7** [1]O Señor díxolle a Moisés: –Voute pór no lugar de Deus para o faraón, e teu irmán Aharón será o teu profeta. [2]Ti dirás todo o que eu che mando, e teu irmán Aharón diralle ao faraón que deixe saír os israelitas da súa terra. [3]Eu endurecerei o corazón do faraón e farei moitos sinais e moitos milagres en Exipto. [4]Ao non darvos creto o faraón, eu porei sobre Exipto a miña man e sacarei as multitudes do pobo de Israel daquela terra con fortes escarmentos. [5]Os exipcios aprenderán que eu son Iavé, cando alongue a miña man contra o Exipto e saque de alí os israelitas.

[6]Moisés e Aharón fixeron exactamente o que lles mandaba o Señor. [7]Moisés tiña oitenta anos e Aharón oitenta e tres cando falaron co faraón.

### A vara vólvese cobra

[8]O Señor díxolles a Moisés e a Aharón: [9]–Cando o faraón vos diga que fagades algún milagre, ti mandaraslle a Aharón: "Colle a vara e bótaa diante do faraón". E converterase en serpe.
[10]Moisés e Aharón entraron onda o faraón e fixeron o que o Señor lles tiña ordenado. Aharón botou a vara diante do faraón e converteuse en serpe. [11]O faraón mandou chamar aos seus sabios e feiticeiros, e os magos exipcios fixeron iso mesmo cos seus encantamentos. [12]Cada un botou polo chan a súa vara e convertéronse en cobras. Pero a vara de Aharón enguliu as dos magos. [13]O faraón teimou na súa e non lles fixo caso, conforme dixera o Señor.

### A auga convértese en sangue

[14]O Señor díxolle a Moisés: –O faraón ponse duro e non deixa saír o pobo. [15]Vai onda el mañá cedo, cando sae para o río. Agárdao á beira do Nilo e leva na man a vara que se trocou en serpe. [16]Diraslle así: –Iavé, o Deus dos hebreos, mandoume dicirche isto: "Deixa saír o meu pobo, para que me ofreza culto no deserto". Ata agora non fixeches caso aínda. [17]Iavé di: Nisto poderás recoñecer que eu son Iavé. Coa vara que levo na man baterei na auga do Nilo e trocarase en sangue. [18]Os peixes morrerán, as augas federán e os exipcios terán noxo de beber auga do río.
[19]O Señor mandou a Moisés que lle dixese a Aharón: –Colle a túa vara e alonga a man sobre as augas de Exipto: os ríos, os canais, as lagoas e depósitos, e que se troquen todos en sangue. Haberá sangue en todo o Exipto, mesmamente nos recipientes de madeira e de pedra.

**7**, 1ss Deus responde ás escusas que ten Moisés para negarse á súa misión (Éx **6**, 12. 30) coa xa prometida axuda de Aharón (Éx **4**, 10ss) e co anuncio das pragas. As pragas chámanse no relato milagres e sinais (Éx **4**, 9. 28; **7**, 3. 9; **10**, 1; **11**, 10). Son calamidades naturais, moitas delas propias de Exipto e do Nilo, pero vistas e contadas como sinais de que Deus está facendo forza para librar o seu pobo da opresión. Están todas referidas conforme a unha estrutura literaria e cunhas circunstancias de tempo e de lugar, que, en vez de facer pensar nas leis que as causan, levan a atención cara o Deus que as trae e que as retira pola man de Moisés. O seu valor non está no que elas mesmas son, senón no que significan: no feito de sinalar a Deus presente, castigando e salvando. O Deus que mandou a Moisés sacar o pobo, mostra ser Iavé, o que está con el. As pragas representan a loita do Deus liberador coas forzas da opresión; Moisés e o faraón personifican esa loita.
Hai outras versións das pragas (Sal **78**, 43-51; **105**, 27-36; Sab **11**, 14-20; **16**, 18). Algunhas delas coñecen menos pragas; nas dez que se refiren nestes capítulos do Éx algunhas parecen ser case a mesma cousa. A máis importante é a décima, que quizais na súa orixe se refería unicamente á morte do fillo do faraón (Éx **4**, 22). As outras pragas engadíronse, andando o tempo, á liturxia da festa da Pascua. O relato das pragas mestura varias versións, coas propiedades xa coñecidas das fontes do Pentateuco.
**7**, 9 A *vara* vai ser o instrumento dos milagres, coma a vara dun mago (Éx **4**, 2s); os magos do faraón farán as mesmas cousas (Éx **7**, 22; **8**, 3).
**7**, 17 A auga da cor do sangue é o Nilo rubio.

[20]Moisés e Aharón fixeron o que o Señor
lles mandara. Aharón ergueu a vara, bateu
nas augas do río, á vista do faraón e dos seus
servidores, e as augas do río trocáronse en
sangue. [21]Os peixes morreron, as augas fe-
dían e os exipcios non podían beber auga do
Nilo. Por todo o país de Exipto había sangue.
[22]Pero os magos de Exipto fixeron tamén iso
cos seus encantamentos. O faraón endure-
ceuse e non lles fixo caso, conforme dixera o
Señor. [23]Voltou para o seu pazo e non pensou
máis naquilo. [24]Os exipcios cavaban pozos
nas ribeiras do río, buscando auga que beber,
pois a auga do río non servía.

### A praga das ras

[25]Pasados sete días desde que o Señor ba-
tera o Nilo, [26]díxolle o Señor a Moisés: –Vai
onda o faraón e comunícalle que isto di Iavé:
"Deixa saír o meu pobo, para que me ofreza
culto. [27]Se non o deixas saír, infestarei de ras
todo o país. [28]O Nilo ferverá con elas, subi-
rán ao teu pazo, á cámara do teu leito, enriba
da túa cama, ás casas dos teus ministros e
de todo o teu pobo, aos teus fornos e arte-
sas. [29]Ti, os teus servidores e todo o teu pobo
quedaredes cubertos de ras".

### A praga, a suplica do faraón e a intercesión de Moisés

**8** [1]O Señor mandou a Moisés que lle dixese
a Aharón: –Tende a túa man coa vara so-
bre os ríos, os canais e as pozas, e que a terra
de Exipto quede cuberta de ras.

[2]Aharón tendeu a man sobre as augas de
Exipto, e xurdiron tantas ras, que cubrían
a terra. [3]Pero os magos fixeron iso mesmo
cos seus encantamentos: fixeron saír ras ata
cubrir a terra. [4]O faraón mandou chamar a
Moisés e Aharón, para dicirlles: –Rogade a
Iavé que arrede as ras de min e do meu pobo,
e deixarei saír o voso pobo, para que ofreza
sacrificios a Iavé.

[5]Moisés preguntoulle: –Fai o favor e dime
cando hei rogar por ti, polos teus ministros e
o teu pobo, para que as ras se arreden de ti e
do teu pazo, dos teus ministros e do pobo, e
se reduzan ao Nilo.

[6]El respondeu: –Mañá.

Díxolle Moisés: –Será como ti dis, para
que saibas que non hai outro coma Iavé, o
noso Deus. [7]As ras arredaranse de onda ti, do
teu pazo, de onda os teus ministros e o teu
pobo, e limitaranse ao Nilo.

[8]Moisés e Aharón saíron do pazo real.
Moisés rogou a Iavé pola cousa das ras que
mandara contra o faraón. [9]O Señor fixo que
fose como Moisés lle pedía. E morreron as
ras das casas, dos cercados e dos campos.
[10]Axuntábanas en moreas, e todo o país fe-
día. [11]En vendo o faraón que podía folguexar,
endureceu o corazón e non lles fixo caso,
conforme lles dixera o Señor.

### A praga dos mosquitos

[12]O Señor mandou a Moisés que dixese a
Aharón: –Tende a vara e bate o po do chan,
para que se troque en mosquitos por toda a
terra de Exipto.

[13]E fixérono así. Aharón tendeu a man, ba-
teu coa vara na terra, e esta trocouse en mos-
quitos, que picaban homes e gando. O po todo
do chan converteuse en mosquitos en todo o
Exipto. [14]Os magos quixeron facer a mesma
cousa, sacar mosquitos cos seus encantamen-
tos, pero non o conseguiron. Os mosquitos
picaban nos homes e no gando. [15]Os magos
dixéronlle entón ao faraón: –O dedo de Deus
anda aquí.

Pero o corazón do faraón endureceu e non
lles fixo caso, conforme dixera o Señor.

### A praga dos tabáns

[16]O Señor díxolle a Moisés: –Mañá érguete
cedo, preséntate ao faraón cando sae cara ao
río, e dille que Iavé ordena isto: "Deixa saír o
meu pobo, para que me ofreza culto. [17]Se non
o deixas saír, botarei tabáns enriba de ti, dos
teus ministros, do teu pobo, da túa xente. En-
cheranse deles as casas e a mesma terra onde
pisan. [18]Ese día farei unha excepción coa terra
de Goxén, onde está o meu pobo. Non haberá
tabáns nela, para que saibas que estou nesta
terra eu, Iavé. [19]Distinguirei entre o meu pobo
e o teu. Mañá verás este sinal".

[20]O Señor cumpriuno así. Entraron enxa-
mes de tabáns no pazo do faraón e nas casas
dos seus servos. Toda a terra de Exipto estaba
infestada de tabáns. [21]O faraón fixo chamar a
Moisés a Aharón, para dicirlles: –Ide, ofrece-
de sacrificios ao voso Deus nesta terra.

[22]Moisés respondeulle: –Iso non pode ser,
pois o que nós ofrecemos en sacrificio a Iavé,
o noso Deus, é abominable para os exipcios.
Se sacrificamos o que para eles é abomina-
ble, non nos acantazarían? [23]Faremos tres
días de camiño no deserto e ofreceremos alí
os sacrificios, conforme Deus nos mandou.

**8**, 15 Aquí acábase o xogo entre Moisés e os magos. O "dedo de Deus" é a vara coa que Moisés fai os milagres. Neste caso o home responde á iniciativa de Deus; no caso da maxia é ao revés.

[24]Dixo o faraón: –Deixareivos saír e ofreceredes os sacrificios no deserto a Iavé, o voso Deus, coa condición de que non vos alonguedes. E rezade por min.
[25]Respondeu Moisés: –En canto saia de onda ti, rogarei a Iavé e, nese intre, arredaranse os tabáns do faraón, da súa corte, do seu pobo. Pero que o faraón non volva enganarnos, non deixando saír o pobo, para que ofreza sacrificios a Iavé.
[26]Moisés saíu de onda o faraón, e púxose a orar cara ao Señor. [27]O Señor fixo que fose como Moisés lle pedía. Os tabáns arredáronse de onda o faraón, da súa corte, do seu pobo, sen quedar sequera un. [28]Pero o faraón endureceuse tamén por esta vez, e non deixou saír o pobo.

### A peste no gando

**9** [1]O Señor díxolle a Moisés: –Vai onda o faraón e faille saber que isto di Iavé, o Deus dos hebreos: "Deixa saír o meu pobo, para que me ofreza culto. [2]Se non os deixas saír e os segues detendo pola forza, [3]a man de Iavé caerá con peso sobre o gando dos campos. Os cabalos, os burros, os camelos, as vacas e as ovellas sufrirán unha peste maligna". [4]Iavé distinguirá entre o gando dos israelitas e o gando dos exipcios. Aquel non perderá sequera unha cabeza.
[5]O Señor fixou un prazo:–Mañá cumprirá o Señor a súa palabra no país.
[6]E o Señor cumpriu a súa palabra ao día seguinte. Morreu o gando todo dos exipcios; pero dos israelitas non morreu sequera unha cabeza. [7]O faraón mandou pescudar sobre o feito e do gando dos israelitas non morrera sequera unha cabeza. Pero o faraón endureceuse e non deixou saír o pobo.

### Chagas na xente e no gando

[8]O Señor díxolles a Moisés e a Aharón: –Collede do forno un puño de cinsa, e que Moisés a cisque polo aire, á vista do faraón. [9]Trocarase en po, que caerá en todo Exipto enriba da xente e do gando, producindo chagas purulentas en todo o país.
[10]Eles colleron cinsa dun forno e presentáronse onda o faraón. Moisés ciscouna polo aire, e produciu chagas purulentas na xente e no gando. [11]Os magos non podían resistir diante do faraón, polas chagas que lles saíran, a eles como a todos os exipcios. [12]O Señor endureceu o corazón do faraón, e non lles fixo caso, conforme dixera o Señor a Moisés.

### O pedrazo

[13]O Señor díxolle a Moisés: –Mañá érguete cedo, preséntate ao faraón e comunícalle que Iavé, o Deus dos hebreos, manda isto: "Deixa saír o meu pobo, para que me ofreza culto. [14]Pois desta botarei todas as pragas enriba de ti, dos teus ministros, do teu pobo, para que saibas que non hai ninguén coma min en toda a terra. [15]Se alongase agora mesmo a miña man e te batese coa peste a ti e ao teu pobo, esvaeceríaste da terra. [16]Se te manteño vivo é para facerche ver a miña forza e para que se fale do meu nome en todo o mundo. [17]Ti detés aínda o meu pobo e non o deixas saír. [18]Pero mira: Mañá destas horas farei caer unha chuvia de pedrazo, tan rexo como non se viu aínda en Exipto, desde o día en que foi fundado ata hoxe. [19]Manda poñer ao seguro a túa facenda e canto tes nos eidos. A xente e o gando que se atopen fóra, por non os dares recollido, sufrirán a chuvia do pedrazo, e morrerán".
[20]Os ministros do faraón que temían ao Señor, meteron ao seguro a súa xente e as súas facendas. [21]Os que non deron creto ás palabras de Iavé deixaron fóra os servos e as facendas.
[22]Despois díxolle o Señor a Moisés: –Estende a túa man cara ao ceo: que caia pedrazo en toda a terra de Exipto, sobre os homes, os animais e sobre toda a vexetación do campo.
[23]Moisés tendeu a vara cara ao ceo e o Señor mandou trebón e pedrazo; caeron lóstregos na terra; o Señor fixo chover pedrazo sobre Exipto. [24]Caía o pedrazo e os lóstregos mesturábanse coa pedra. O pedrazo era tan groso e tan rexo como non se vira en Exipto desde que era pobo. [25]O pedrazo feriu todo o que había no campo en Exipto, o mesmo xente que gando; machicou a herba, tronzou todas as árbores. [26]Soamente non caeu na bisbarra de Goxén, onde estaban os israelitas. [27]O faraón mandou chamar a Moisés e a Aharón, para dicirlles: –Esta vez fixen mal. Iavé é xusto. Eu e mais o meu pobo recoñecémonos culpados. [28]Rogádelle a Iavé, pois temos xa abondo de trebón e pedrazo. Deixareivos saír e non seguirei deténdovos máis tempo.
[29]Díxolle Moisés: –En saíndo da cidade, tenderei as mans cara a Iavé e entón parará o trebón e deixará de caer pedrazo, para que saibas que a terra é de Iavé. [30]Eu sei que ti e os teus servos non temedes aínda a Iavé Deus.
[31]O liño e a cebada arruináronse, porque esta tiña xa espigas e aquel estaba na flor.

32Pero non se perderon o trigo e o centeo, por
seren máis serodios. 33En saíndo de onda o
faraón e da cidade, Moisés tendeu as mans
cara ao Señor. Os trebóns e o pedrazo remi-
tiron, e parou de chover. 34Cando viu o fa-
raón que rematara a choiva, o pedrazo e os
trebóns, volveu pecar, el e os seus ministros,
teimando na mesma outra vez. 35O corazón
do faraón endureceuse e non deixou saír os
israelitas, conforme dixera o Señor por Moi-
sés.

### A praga da lagosta

**10** 1O Señor díxolle a Moisés: –Vai onda
o faraón. Eu endurecino a el e á súa
corte, para facer diante deles os meus sinais
2e para que así poidas contarlles a teus fillos
e a teus netos como tratei eu os exipcios e os
sinais que fixen con eles. Dese xeito saberedes que eu son o Señor.

3Moisés e Aharón presentáronse ao faraón, para dicirlle: –Así fala Iavé: "Por canto tempo te negarás a abaixarte diante de min? Deixa saír o meu pobo, para que me ofreza culto. 4Se non o deixas saír, mañá traerei a lagosta ao teu país. 5Cubrirá a superficie da terra, de xeito que non se poderá nin ver o chan; comerá o resto salvado do pedrazo; rillará as plantas todas que crecen nos campos. 6Encherá a túa casa, as dos teus ministros e as de todos os exipcios, cousa que nunca viron teus pais nin teus avós, desde o día en que viñeron á terra ata hoxe".

Moisés deu a volta e saíu de onda o faraón.

7Os ministros dixéronlle ao faraón: –Ata cando nos seguirá poñendo trapelas este home? Deixa marchar esa xente, e que ofrezan culto ao seu Deus Iavé. Ou non te dás conta aínda de que Exipto se está botando a perder?

8Fixeron volver a Moisés e a Aharón onda o faraón, e este díxolles: –Ide e dade culto a Iavé, o voso Deus. Pero quen son os que irán?

9Respondeulle Moisés: –Iremos nós cos nenos e cos vellos, cos fillos e coas fillas. Levaremos tamén as ovellas e as vacas, pois celebramos a festa de Iavé.

10Díxolle o faraón: –Así vaia Iavé convosco, como eu vos deixarei saír a vós e a vosos fillos! Pero vedes como son cativas as vosas intencións? 11Non. Ide soamente os homes e dade culto a Iavé, pois iso é o que pedistes.

E con iso o faraón botounos da súa presenza.

12O Señor díxolle a Moisés: –Estende a túa man sobre Exipto, e que entre a lagosta por todo o país, que coma a herba dos campos e o que quedou do pedrazo.

13Moisés tendeu a vara sobre Exipto e o Señor empuxou cara ao país un vento do leste, todo o día e toda a noite. Pola mañá o vento siroco trouxera a lagosta. 14A lagosta entrou por todo o país e pousouse en toda a terra de Exipto. Tan grande cantidade de lagosta non a houbera antes nin a volvería haber despois. 15Cubría a superficie da terra, ata escurecela. Comeu a herba dos eidos e os froitos das árbores que quedaran do pedrazo. En todo o Exipto non quedou chisca de verde, nin nas árbores nin nos campos. 16O faraón fixo chamar a toda présa a Moisés e a Aharón, para dicirlles: –Pequei contra Iavé, o voso Deus, e tamén contra vós. 17Agora perdoade o meu pecado, tamén por esta vez, e rogade a Iavé, o voso Deus, para que arrede de min este mortífero castigo.

18Moisés saíu de onda o faraón e rogou ao Señor. 19O Señor trocou aquel vento por un vento forte do mar, que levou a lagosta e a guindou no Mar Vermello. Non quedou unha lagosta nos lindeiros de Exipto. 20Pero o Señor endureceu o corazón do faraón e este non deixou saír os israelitas.

### As tebras

21O Señor díxolle a Moisés: –Ergue a túa man cara ao ceo, e virán sobre Exipto unhas tebras tan pechas que se poderán apalpar.

22Moisés estendeu a súa man cara ao ceo e viñeron tres días de néboa escura sobre Exipto. 23Nos tres días non se vían uns aos outros nin se podían mover do seu sitio. Pero nas moradas dos israelitas había luz. 24O faraón mandou chamar a Moisés, para dicirlle: –Ide e dade culto a Iavé. Podedes levar convosco os vosos fillos; deixade só as ovellas e as vacas.

25Respondeulle Moisés: –Permitirasnos levar tamén vítimas para os sacrificios que habemos ofrecer a Iavé, o noso Deus. 26O gando

**10**, 2 Na tradición sagrada do pobo é onde atoparon a súa forma as varias versións das pragas (**12**, 26s; **13**, 8; Dt **4**, 9; **6**, 20-25).

terá que vir connosco, sen que quede aquí nin unha uña, pois del temos que ofrecer culto a Iavé, o noso Deus. Nós non sabemos aínda o que lle habemos ofrecer; só o saberemos alí.
[27]Pero o Señor endureceu o corazón do faraón, que non quixo deixalos saír. [28]Díxolle a Moisés: –Arrédateme de aquí e non te me poñas máis diante. Se un día volves verme, morrerás.
[29]Respondeulle Moisés: –Como ti digas. Non che volverei ver a cara.

### Ameaza aos primoxénitos

**11** [1]O Señor díxolle a Moisés: –Vou mandar aínda unha praga sobre o faraón e o seu pobo. Despois vaivos deixar saír de aquí. Mellor dito, botaravos el mesmo de Exipto. [2]Aconséllalle ao pobo que cada home pida ao seu veciño e cada muller á súa veciña obxectos de prata e ouro.
[3]O Señor fixo que o pobo lles caese ben aos exipcios; e o mesmo Moisés era estimado pola corte do faraón e polo pobo de Exipto.
[4]Moisés díxolle ao faraón: –Isto di o Señor: "Á media noite pasarei por todo o Exipto [5]e morrerán os primoxénitos todos do país, desde o primoxénito do faraón que senta no trono, ata o da serva que move a pedra do muíño, e mesmo os primoxénitos do gando". [6]Haberá no Exipto enteiro un lamento tan grande, como non o houbo antes nin o volverá haber. [7]Pero onde están os israelitas non ouveará can ningún nin por homes nin por gando, para que saibades que o Señor distingue entre Exipto e Israel. [8]Entón estes teus ministros acudirán onda min e, prostrándose, pediranme: "Sae de onda nós ti e todo este pobo que te segue". E entón eu sairei.

E Moisés foise anoxado de onda o faraón.
[9]O Señor dixéralle a Moisés:–O faraón non vos dará creto, e eu farei moitos milagres en Exipto.
[10]Moisés e Aharón fixeron estes milagres diante do faraón. Pero o Señor endureceu ao faraón, que non deixou saír os israelitas da súa terra.

### A festa da Pascua

**12** [1]O Señor díxolles en Exipto a Moisés e a Aharón: [2]–Teredes este mes polo primeiro dos meses, o mes principal de todo o ano. [3]Dicídelle a toda a comunidade de Israel: "No día dez deste mes que cada un busque un año por familia e por casa. [4]Se a familia é moi pequena para comer o año enteiro, que se xunte co veciño máis próximo á súa casa, botando conta das persoas. O año será estimado conforme ao que cada un poida comer. [5]O año será sen defecto, macho e dun ano. Tanto pode ser un año coma un cabrito.
[6]Gardarédelo ata o catorce deste mes e, entre lusco e fusco dese día, inmolarao a comunidade toda de Israel en asemblea. [7]Colleredes o sangue e mollaredes con el as ucheiras e o lintel das casas nas que se vai comer. [8]Comeredes a carne esa noite, asada no lume, con pan sen levedar e con verduras amargas.
[9]Non comeredes nada del cru, nin cocido en auga, senón asado no lume, con cabeza, patas e entrañas. [10]Non deixaredes nada del para a mañá; se vos sobra algo, queimádeo. [11]Comerédelo deste xeito: a cintura cinguida, as sandalias nos pés, o caxato na man. Comerédelo ás présas, pois é a Pascua do Señor. [12]Esa noite pasarei eu por todo o Exipto e ferirei de morte todos os primoxénitos, desde os

**11** A morte dos primoxénitos, unha peste que collía só os nenos, ou quizais na súa orixe só ao fillo do faraón (**4**, 22), refírese con maior solemnidade: inclúe anuncio (c. **11**) e cumprimento (**12**, 29-42), e remata coa expulsión dos hebreos de Exipto (**6**, 1; **11**, 1).
**11**, 2s Sobre o tema da espoliación, cf **3**, 21; **12**, 35s.
**12-13** Unha paréntese longa sobre a Pascua, que rompe o fío da narración. Nela mestúrase o relato dun acontecemento que orixinou unha celebración, coas leis e co ritual desa celebración. Tanto unha cousa coma a outra veñen de diversas fontes. Para máis complexidade, trátase de dúas festas e de dous rituais diferentes. Por un lado está a *festa da Pascua*, festa de pastores seminómades, que, antes de emprenderen a transhumancia da primavera, sacrifican un cordeiro dos que naceron no ano; esta festa é anterior, independente do Éxodo. Por outro lado está a *festa dos Ácimos*, de labradores sedentarios, que na primavera ofrecen as primicias dos froitos da súa terra. Israel, que foi nómade e despois sedentario, coñeceu e festexou esas dúas festas, que se correspondían en tempo e en sentido. De aí que dalgunha maneira se fundisen ou fose suplantada unha pola outra, e que as dúas recibisen, cando Israel lles deu ás súas festas o contido da súa historia, o cometido de celebrar a liberación da servidume.
Á tradición sacerdotal debémoslle o encadro e as leis sobre as dúas festas (**12**, 1-20); á tradición iavista o relato da Pascua, a morte dos primoxénitos e a saída dos israelitas (**12**, 21-39); outras partes preséntanse en redacción deuteronómica (**12**, 24-27; **13**, 3-16). A Pascua é a festa que os israelitas queren celebrar fóra de Exipto, libres da opresión (**5**, 1; **7**, 16. 26; **8**, 4. 16. 23; **9**, 1; **10**, 3. 24). Outros rituais destas festas en Lev **23**, 5-8; Núm **28**, 16-25; Dt **16**, 1-8. O relato todo do éxodo é a lenda da festa.
**12**, 2 O primeiro mes do ano é o mes de "Abib", na primavera (marzo-abril); no calendario postexílico chámase "Nisán".
**12**, 8 *O pan sen levedar* é o que dá o nome á festa dos Ácimos (vv. 15ss).
**12**, 11 Xúntanse os ritos da Pascua, festa de pastores, e da Pascua, festa da liberación. O nome da festa, Pascua (Pésah), enténdese aquí en función do acontecemento da liberación (vv. 13. 23. 27), como se procedese do verbo "pasah", saltar, pasar por alto.

dos homes ata os do gando. Farei cumprida
xustiza con todos os deuses de Exipto. Eu, o
Señor. [13]O sangue será o sinal das casas onde
vós habitades. En vendo o sangue, pasarei
sen me deter, e así, cando eu fira a Exipto,
non vos tocará a vós a praga exterminadora.
[14]Este día quedaravos na memoria e faredes
nel festa ao Señor. Será festa de precepto por
todas as xeracións.

### A festa dos Ácimos

[15]Sete días seguidos comeredes pan ácimo.
Desde o primeiro día botaredes o lévedo das
casas, pois o que coma pan fermentado entre
o primeiro día e o sétimo será excluído de
Israel. [16]O día primeiro é día de asemblea, e
tamén o día sétimo. Neses días non deberedes traballar, fóra de preparar cada un o que
ha comer. [17]Gardaredes a festa dos Ácimos,
pois nese mesmo día saquei eu as vosas multitudes de Exipto. Gardarédela como festa de
precepto por todas as xeracións. [18]No mes
primeiro, desde a tarde do día catorce ata a
do vinte e un, comeredes pan ácimo. [19]Neses
sete días non gardaredes pan lévedo na casa.
Quen coma algo fermentado será excluído da
asemblea de Israel, tanto o forasteiro coma
o nativo. [20]Non comeredes pan fermentado;
onde queira que habitedes, comeredes pan
ácimo".

### Disposicións sobre a Pascua

[21]Moisés convocou os anciáns todos de Israel e díxolles: –Buscade e facédevos cunha
res por familia e inmolade a vítima da Pascua. [22]Collede un ramallo de hisopo, molládeo no sangue que recollades nun recipiente,
e unxide con el o lintel e as ucheiras da porta.
E que ninguén saia da porta da casa para fóra,
namentres non amenza. [23]O Señor vai pasar
ferindo os exipcios. Pero, en vendo o sangue
no lintel e nas ucheiras, pasará diante da porta sen se deter. Non deixará entrar nas vosas
casas ao exterminador para ferir. [24]Cumpriredes estas ordes como lei a perpetuidade para
vós e para os vosos fillos. [25]Cando un día
entredes na terra que o Señor vos dará, conforme a súa promesa, observaredes este rito.
[26]Entón preguntaranche os teus fillos: "Que
significa este rito que facedes?". [27]Vosoutros
dirédeslles: "É o sacrificio da Pascua, cando
o Señor pasou sen deterse diante das casas
dos israelitas en Exipto, ferindo os exipcios e
deixando a salvo as nosas casas".

Nisto o pobo prostrouse e adorou. [28]Os israelitas foron e fixeron como lles mandara o
Señor por Moisés e Aharón.

### Morte dos primoxénitos

[29]Á media noite o Señor feriu de morte
a todos os primoxénitos de Exipto, desde o
primoxénito do faraón que senta no trono,
ata o do prisioneiro que está no calabozo, e
mesmo os primoxénitos do gando. [30]O faraón
ergueuse de noite e, coma el, os seus ministros e todo o Exipto, e sentiuse un gran pranto en todo o país, pois non había casa onde
non houbese algún morto. [31]Na mesma noite
mandou o faraón chamar a Moisés e a Aharón, para dicirlles: –Erguédevos e saíde do
medio do meu pobo con todos os israelitas.
Ide e dade culto a Iavé, como dixestes. [32]Levade convosco, como queriades, os rabaños e
o gando. Ídevos e bendicídeme a min tamén.

[33]Os exipcios facían forza sobre o pobo
para que saíse axiña do país, pois dicían:
"Imos morrer todos".

[34]A xente sacaba das artesas a masa sen
levedar, envolvíaa en mantas e cargábaa ás
costas. [35]Os israelitas fixeron como lles dixera Moisés. [36]Pedíanlles aos exipcios obxectos
de prata e ouro e mais roupas. O Señor fixo
que o pobo lles caese ben aos exipcios, que
lles deixaban canto lles pedían. Así despoxaron aos exipcios.

### Saída dos hebreos de Exipto

[37]Os israelitas saíron de Ramsés cara a
Sucot. Sen levar conta dos nenos, eran coma
seiscentos mil homes. [38]Con eles ía tamén
unha multitude de xente mesturada, e rabaños de ovellas e de vacas e gando en grande cantidade. [39]Coceron a masa que sacaran
de Exipto e fixeron bolas de pan asmo, pois
non lle deran tempo a levedar. Como saíran
de Exipto empuxados, non puideron deterse

**12**, 14 Esa celebración primeira aparece constituínte da celebración que se fará ano tras ano. A mesma cousa ca os Ácimos (v. 17).
**12**, 21ss Esta versión iavista da celebración da Pascua vese máis primitiva e máis independente das circunstancias do éxodo. Na festa independente do éxodo, ao esconxuro do exterminador correspondía o dos malos espíritos.
**12**, 31 Aquí a saída dos hebreos é vista como expulsión (en lugar de fuxida), debida á morte dos primoxénitos (v. 29).
**12**, 37 Un número tan grande de xente non se podería mover polo deserto. Trátase dunha cantidade hiperbólica. O número real tiña que ser pequeno.

a preparar merenda para a viaxe. [40]A estadía
dos israelitas en Exipto foi de catrocentos
trinta anos. [41]No mesmo día en que se cum-
prían os catrocentos trinta anos, saíron de
Exipto as multitudes do Señor. [42]Esa noite
velou o Señor para sacalos. Esa noite velan
os israelitas por todas as xeracións.

**A lei da Pascua**

[43]O Señor díxolles a Moisés e a Aharón:
–Esta será a lei da Pascua: ningún estranxei-
ro comerá dela. [44]Pero poderán comer dela
os escravos mercados por diñeiro, se están
circuncidados. [45]Non comerán dela nin os
forasteiros nin os mercenarios. [46]Comere-
des dentro da casa; non sacaredes fóra carne
ningunha; non romperedes ningún óso. [47]A
comunidade enteira de Israel celebrará esta
festa. [48]Se vive convosco un estranxeiro e
quere celebrar a Pascua do Señor, deberá fa-
cer circuncidar a todos os homes da súa casa,
e entón poderá celebrala; será coma un do
país. Pero non comerá dela ningún incircun-
ciso. [49]A mesma lei rexerá para os que son do
país coma para os estranxeiros que habiten
convosco.

[50]Os israelitas todos cumpriron o que o Se-
ñor lles mandara a Moisés e a Aharón. [51]Na-
quel mesmo día sacou o Señor as multitudes
israelitas de Exipto.

**A lei dos Ácimos e a lei dos Primoxénitos**

**13** [1]O Señor díxolle a Moisés:
[2]–Conságrame todo primoxénito. Todo
primeiro nacido que bote o ventre, tanto se é dos
homes coma dos animais, perténceme a min.

[3]Moisés díxolle ao pobo: –Lembrade este
día en que saístes de Exipto, da casa da ser-
vidume, cando con man rexa vos sacou de alí
o Señor. Non comades pan lévedo nese día.
[4]Saídes hoxe, no mes de *Abib*. [5]Cando o Señor
vos introduza na terra dos cananeos, dos hiti-
tas, dos amorreos, dos hivitas e dos iebuseos,
conforme o xuramento que fixo a vosos pais,
unha terra que deita leite e mel, no mes de
*Abib* celebraredes esta festa. [6]Sete días segui-
dos comeredes pans ácimos; o día sétimo será
a festa do Señor. [7]Comeredes pans ácimos
durante os sete días, e que na túa casa non se
vexa pan fermentado nin no teu territorio pan
lévedo ningún. [8]Nese día explicaraslle ao teu
fillo: "Isto é polo que o Señor fixo por min,
cando saín de Exipto". [9]Será coma un sinal
que pos no teu brazo e coma unha lembranza
diante dos teus ollos; levarás nos teus labios a
lei do Señor, que te sacou de Exipto con man
forte. [10]Observa este rito de ano en ano, no
seu día. [11]Cando o Señor te dea introducido na
terra dos cananeos, conforme vos xurou a ti e
a teus pais, e cha dea en posesión, [12]consagra-
rás ao Señor todos os primoxénitos. As pri-
meiras crías dos teus gandos, se son machos,
perténcenlle ao Señor. [13]A primeira cría dun
burro poderala rescatar cunha ovella; se non
a rescatas, tela que esnocar. Os teus fillos pri-
moxénitos telos que rescatar. [14]Cando mañá o
teu fillo che pregunte: "Que significa isto?",
ti diraslle: "O Señor sacounos con man forte
de Exipto, da casa da servidume. [15]O faraón
teimaba en non deixarnos saír, e entón o Se-
ñor matou a todos os primoxénitos de Exipto,
os dos homes e os do gando. Por iso nós sa-
crificamos para o Señor as primeiras crías do
gando que son machos, e rescatamos os fillos
primoxénitos". [16]Será coma un sinal que pos
no teu brazo e coma unha lembranza diante
dos teus ollos: o Señor sacoute de Exipto con
man forte.

**A primeira xeira do camiño**

[17]Unha vez que o faraón deixou saír o
pobo, Deus non o conduciu polo camiño que
leva a Filistea, que é máis curto, pois pre-
veu: Non sexa que, ao vérense en guerra, se
arrepintan e dean volta para Exipto. [18]Deus
fíxolles dar polo deserto un rodeo, na direc-
ción do mar Vermello. Os israelitas saíran de
Exipto ben armados. [19]Moisés levaba consi-
go os ósos de Xosé, pois este fixéralles xurar
aos israelitas: "Deus visitaravos certamente,
e entón levaredes de aquí os meus ósos con-
vosco".

[20]Saíron de Sucot e acamparon en Etam, á
beira do deserto. [21]O Señor camiñaba diante
deles, polo día nunha columna de nube para
os guiar, pola noite nunha columna de lume

**12**, 43ss A tradición sacerdotal dá as súas leis para a participación de estranxeiros na festa da liberación.
**13**, 2 O tema dos primoxénitos non ten que ver coa Pascua, senón coa décima praga. A parte diso, as primicias de todo considéranse de Deus, en recoñecemento a que El é o dono de todo. Os primoxénitos humanos deben ser rescatados (vv. 11-16).
**13**, 3-10 Máis leis sobre os Ácimos, correspondentes con Éx **12**, 15-20. A festa é vista aquí como recordo; o ton da pasaxe é como de predicación.
**13**, 17s Os datos non permiten reconstituír o itinerario que os hebreos seguiron. O país dos filisteos (hai un anacronismo) é a costa mediterránea. O rodeo polo mar Vermello indica cara ao sueste.
**13**, 19 Referencia ao testamento de Xosé (Xén **50**, 25; Xos **24**, 32).
**13**, 21s Sinais da presenza de Deus. A nube e mais o lume son propios da versión iavista.

para os alumar. Dese xeito camiñaban de día e de noite. 22Nin a columna de nube se afastaba do pobo polo día nin a de lume pola noite.

### O paso do mar Vermello

**14** 1O Señor díxolle a Moisés: 2–Dilles aos israelitas que fagan un rodeo e que acampen diante de Pi-Hahirot, entre Migdal e o mar, enfronte de Baalsefón, e que poñan as tendas cara ao mar. 3O faraón pensará: "Os israelitas andan perdidos no país; o deserto péchalles o paso". 4Eu endurecerei o corazón do faraón, de xeito que se botará a perseguirvos, e eu mostrarei a miña gloria á conta súa e dos seus exércitos. Entón saberán os exipcios que eu son Iavé. Os israelitas fixeron o mandado.

5Dixéronlle ao rei de Exipto que o pobo fuxira. O corazón do faraón e o dos seus ministros volvéronse contra el, e dicían: "Que fixemos, deixando saír do noso servizo a Israel?". 6O faraón mandou que enganchasen o seu carro, e mobilizou o seu exército. 7Tomou seiscentos carros escolleitos e logo os outros carros de Exipto con todos os xefes do exército. 8O Señor endureceu o corazón do faraón, rei de Exipto, para que perseguise os israelitas, que saían co brazo ergueito. 9Os exipcios perseguíronos e atraparónos, acampados onda o mar. A cabalaría, os carros, os cabaleiros e o exército enteiro do faraón chegaron a Pi-Hahirot, diante de Baalsefón. 10Cando o faraón se aproximaba, ergueron os israelitas a súa vista e viron aos exipcios que corrían tras deles. E, cheos de medo, clamaron cara ao Señor. 11Dixéronlle a Moisés: –Seica non había sepulturas en Exipto, para que nos fixeses vir morrer no deserto? Que ben nos fixeches con sacáresnos de Exipto? 12Non che diciamos xa alí: "Déixanos, que nós serviremos aos exipcios?". Mellor nos era servilos que vir morrer no deserto.

13Moisés respondeulles: –Non teñades medo. Mantédevos enteiros e veredes a salvación que vos concederá hoxe o Señor. Os exipcios que hoxe vedes, non os veredes nunca máis. 14O Señor loitará por vós. Vós agardade calados.

15O Señor díxolle a Moisés: –Que queixas son esas cara a min? Manda aos israelitas que se poñan en marcha. 16Ti ergue a vara, alonga a man sobre o mar e párteo en dous, de xeito que os israelitas pasen polo medio a pé enxoito. 17Eu endurecerei o corazón dos exipcios, que seguirán perseguíndovos. E mostrareime glorioso á conta do faraón, á dos seus carros e á dos seus cabaleiros. 18Ao mostrar a miña gloria á conta deles, aprenderán os exipcios que eu son Iavé.

19O anxo de Deus, que ía diante das hostes de Israel, cambiouse e púxose detrás. Tamén se moveu de diante para detrás a columna de nube. 20Púxose entre os exércitos de Exipto e os de Israel. A nube por unha banda era de tebra e pola outra alumaba a noite, de xeito que en toda a noite non puideron aproximarse os uns aos outros. 21Moisés alongou a man sobre o mar, e o Señor removeuno cun vento forte do leste, que soprou toda a noite, ata secar o mar, coas augas partidas. 22Os israelitas entraron polo medio do mar a pé enxoito. As augas facían muros á súa dereita e á súa esquerda. 23Os exipcios que os perseguían, a cabalaría do faraón, os carros e os cabaleiros, entraron no mar tras deles. 24Cerca da madrugada, ollou o Señor desde a columna de nube e de lume para o campamento exipcio e cubriuno de confusión. 25Pexou as rodas dos carros, de xeito que non podían case que andar. Os exipcios entón dixeron: –Fuxamos dos israelitas, pois Iavé loita por eles contra nós.

26O Señor díxolle a Moisés: –Estende a man cara ao mar, e as augas volveranse sobre os exipcios, os seus carros e os seus cabaleiros.

27Moisés alongou a man cara ao mar e, contra a mañá, este volveu ao seu sitio. 28Os

**14** O paso do mar Vermello é o cume do éxodo, o salto sobre a fronteira da opresión. Fálase dunha fronteira natural, con mar e con lagoas; dunha fronteira política, con gardas ou con exércitos; dunha fronteira que representa separación de condicións opostas: servidume e liberdade. O capítulo non dá a imaxe verdadeira nin da xeografía nin da historia. Recorda unhas poucas circunstancias e amáñaas de xeito que sirvan para a proclamación de que Deus salvou o seu pobo da escravitude. Mestúranse aquí polo menos dúas versións. Na máis primitiva, a iavista, os exipcios perseguen aos israelitas; estes escapan, namentres Deus alaga aos primeiros nas augas levantadas polo vento. Na versión sacerdotal Deus manda a Moisés partir as augas en dous corpos; os israelitas pasan polo medio, pero os exipcios quedan debaixo das augas que se volven xuntar. Elementos elohistas, nos vv. 19s.

**14**, 11 Os israelitas rebélanse axiña contra os liberadores, á vista das carencias e da dureza do camiño. Este é o preludio de moitas outras rebelións, que se recordan na historia do deserto (Éx **16**, 2s; **17**, 3; Núm **11**, 1. 4; **14**, 2; **21**, 4s).

exipcios, fuxindo, deron con el, e o Señor alagounos nas súas augas. As augas, ao xuntárense, cubriron os carros, os cabaleiros e todo o exército do faraón, que entrara no mar tras de Israel. Non quedou nin sequera un. [29]Os israelitas pasaron a pé enxoito polo medio do mar, mentres as augas facían muro á súa dereita e á súa esquerda. [30]Aquel día salvou o Señor a Israel do poder dos exipcios. Israel puido ver na beira do mar os exipcios mortos. [31]Israel recoñeceu con que man poderosa o Señor tratara aos exipcios. O pobo temeu ao Señor e creu nel e no seu servo Moisés.

### Cántico de grazas dos salvados

**15** [1]Entón Moisés e os israelitas cantaron este cántico ao Señor:

Cantarei ao Señor,
que se cubriu de gloria,
cabalo e cabaleiro alagou no mar.
[2]O Señor é a miña forza,
a razón do meu canto,
El é a miña salvación.
El é o meu Deus, e loareino,
o Deus de meu pai, e enxalzareino.
[3]O Señor é un guerreiro.
O seu nome é Iavé.
[4]Alagou no mar o faraón
cos seus exércitos,
a flor dos seus capitáns
afogou no mar Vermello.
[5]Os abismos cubríronos,
baixaron ao fondo coma pedras.
[6]A túa destra, Señor,
distínguese pola forza,
a túa destra, Señor, tronza os inimigos.
[7]Coa túa aterradora maxestade
crebas os teus contrarios,
cando soltas o teu furor,
consómeos coma palla.
[8]Co sopro da túa carraxe
amoréanse as augas,
érguense en diques as correntes,
callan as augas do mar.
[9]Os inimigos dicían:
"Perseguirei, atraparei,
repartirei botín, ata fartar a cobiza;
sacarei a miña espada,
despoxarei coa miña man".
[10]Pero botaches ti un sopro,
e cubriunos o mar,
afundíronse coma chumbo
nas augas embravecidas.
[11]Quen hai coma ti, Señor,
entre os deuses,
quen coma ti, excelso en santidade,
terrible polas túas obras,
facedor de milagres?
[12]Soamente tendiches a destra,
e enguliunos a terra.
[13]Ti guiaches con amor o pobo rescatado,
coa túa forza leváchelo
onda a túa sagrada morada.
[14]Oírono os pobos e tremeron,
un terror coma de parto
agarrou nos filisteos.
[15]Arrepiaban os grandes de Edom,
tremían os xefes de Moab,
derretíase toda a poboación de Canaán.
[16]Caeu enriba deles un medo estremecedor,
o poder do teu brazo
deixounos coma de pedra,
namentres pasaba o teu pobo, Señor,
namentres pasaba
o pobo que adquiriches.
[17]Ti leváchelo e plantáchelo
na túa propiedade,
no lugar onde fixeches,
Señor, a túa morada,
no santuario que ti fundaches
coas túas mans.
[18]O Señor reinará por sempre.

[19]A cabalaría do faraón, os seus carros e os seus cabaleiros, entraron polo mar, e entón botou o Señor as augas do mar por riba deles. [20]Pero os israelitas pasaron polo medio do mar a pé enxoito. [21]A profetisa Miriam, irmá de Aharón, botou man do pandeiro, e todas as mulleres saíron con pandeiros detrás dela, bailando. Miriam cantaba diante:

Cantade ao Señor, que se cubriu de gloria,
cabalo e cabaleiro alagou no mar.

**15**, 1ss O chamado "canto de Moisés", despois do paso do mar Vermello, fúndase no primitivo canto de vitoria que cantaban as mulleres (v. 21). Na estrutura da historia do éxodo este canto corresponde á resposta agradecida do pobo ao Deus que o salvou. Certamente este salmo non naceu nese intre, pois na parte final celebra a conquista da terra e refírese a Xerusalén e ao seu templo. Aínda así, non está mal posto nese sitio, pois o seu tema principal é o paso do mar Vermello. Poderíaselle chamar versión lírica de Éx **14**.

# NO CAMIÑO DO DESERTO

### Onda a fonte de Marah

22 Moisés fixo marchar os israelitas de onda
o mar Vermello e colleron a dirección do de-
serto do sur. Camiñaron tres días polo deserto,
sen atoparen auga. 23 Chegaron a Marah. Pero
non puideron beber daquela auga, pola súa
amargura. Por iso lle puxeron a aquel lugar o
nome de Marah. 24 O pobo murmuraba contra
Moisés e preguntaba: –Que imos beber?
25 Moisés clamou cara ao Señor, e o Se-
ñor mostroulle un madeiro que había botar
na auga. A auga volveuse doce. Alí deulles
leis e normas, e púxoos á proba. 26 Díxolles:
–Se obedecedes ao Señor, o voso Deus, se
facedes o que é debido, se cumprides os seus
mandamentos e gardades as súas leis, non
botarei sobre vós as pragas que botei sobre
os exipcios, pois eu son o Señor que cura.
27 Chegaron a Elim, onde había doce fontes
e setenta palmeiras. E acamparon alí, preto
da auga.

### Os paspallás e o maná

**16** 1 A asemblea dos israelitas saíu de
Elim e chegou ao deserto de Sin, entre
Elim e o Sinaí, o día quince do mes seguinte
á saída de Exipto. 2 Toda a comunidade mur-
muraba no deserto contra Moisés e Aharón.
3 Dicían: –Sequera morrésemos pola man do
Señor na terra de Exipto, sentados ao redor
dos potes de carne e con pan a fartar! Trou-
xéstesnos a este deserto, para matar de fame
a toda esta comunidade.
4 O Señor díxolle a Moisés: –Vou facer
chover un pan do ceo para vós. O pobo sairá
e collerá o que lle cumpra para o día. Quero
poñelo á proba, para ver se anda ou non coa
miña lei. 5 O día sexto prepararán todo o que
collan, que será o dobre do recollido os ou-
tros días.
6 Moisés e Aharón dixéronlles aos israeli-
tas: –Esta noite saberedes que quen vos sa-
cou de Exipto é o Señor. 7 Pola mañá veredes
a gloria do Señor, que escoitou as vosas mur-
muracións contra El. Porque, que somos nós,
para que murmuredes contra nós?
8 E Moisés díxolles aínda: –Esta noite da-
ravos o Señor carne que comer e pola mañá
pan a fartar, pois escoitou as vosas murmu-
racións contra El. Porque, que somos nós?
Non murmurastes contra nós, senón contra
o Señor.
9 Moisés mandou a Aharón que lle dixese
á asemblea dos israelitas: –Achegádevos
ao Señor, que escoitou as vosas murmura-
cións.
10 Mentres Aharón falaba coa asemblea
dos israelitas, volveron os ollos cara ao de-
serto, e viron a gloria do Señor mostrarse
na nube. 11 O Señor díxolle a Moisés: 12 –Oín
as murmuracións dos israelitas. Dilles isto:
"Ao anoitecer teredes carne que comer e pola
mañá pan a fartar. E saberedes que eu son o
Señor, o voso Deus".
13 Ao serán viñeron paspallás e cubriron o
campamento. Pola mañá había nos arredores
unha capa de orballo. 14 Cando esvaeceu o
orballo, apareceu no deserto unha capa fina,
coma escamas miúdas, que semellaban xeada
sobre o chan. 15 Os israelitas, ao que o viron,
preguntábanse uns aos outros: –Que é isto?
Pois non sabían o que era aquilo.
16 Respondeulles Moisés: –Este é o pan
que o Señor vos dá para comer. A orde do
Señor é a seguinte: que cada un colla o que
ha comer: un *hómer* por cabeza, conforme o
número de persoas; que cada un recolla para
todos os que hai na súa tenda.
17 Os israelitas fixérono así. Uns colleron
máis e outros menos. 18 Ao medir o maná co

**15**, 23ss Este é o primeiro cadro, na versión do iavista, da historia do deserto. Nela atoparemos moitas veces carencia de auga e de comida, perigos de animais e doutros grupos nómades, e as correspondentes queixas do pobo (**17**, 3; Núm **11**, 4s; **20**, 2s). O nome do primeiro lugar, Marah, faise vir da condición das súas augas amargas (mar).
**15**, 26 Estilo deuteronómico.
**15**, 27 Para a versión sacerdotal, Elim é a primeira estación do deserto.
**16** Este relato mostra elementos heteroxéneos e varias repeticións. A tradición sacerdotal, unha vez que o pobo sae de Elim, resolve deseguido, con este episodio, o problema do sustento no deserto, ao tempo que insiste na observancia do sábado. No que se refire ao sustento atopamos mesturados dous fenómenos, de seu independentes: os paspallás e o maná. Con este sustento prodixioso Deus responde ás queixas acedas do pobo, que prefire a escravitude e a mesma morte nela, antes que facer algún esforzo pola súa liberdade (**14**, 11).
**16**, 13s O fenómeno dos paspallás fai pensar na migración desas aves no outono cara a África. Ao chegaren en grandes bandadas ao norte do Sinaí, son boas de coller (Núm **11**, 4s). O maná, descrito aquí (vv. 14-31) e en Núm **11**, 7s, parece ser o produto do "tamarisco do maná". Ao pousaren nas súas follas certos insectos, caen delas unhas pingas coma resina, comestibles, aproveitadas ata hoxe polos nómades. Pero con isto non se dá razón do que di o texto. Neste profésase, partindo do feito do maná, que Deus sustentou o seu pobo no deserto.
**16**, 15 Da pregunta que fan os israelitas "Que é isto?", fai proceder o autor deste relato o nome do maná (man-hu).
**16**, 16 *Hómer*, medida duns 4,5 litros.

*hómer*, nin ao que collera máis lle sobraba, nin ao que collera menos lle faltaba, porque cada un collera o preciso para comer. [19]Díxolles Moisés: –Que ninguén garde maná para mañá.

[20]Algúns non fixeron caso de Moisés e gardaron para o día seguinte. Pero encheuse de vermes e podreceu. Moisés enfadouse con eles. [21]Cada un collía o que lle cumpría pola mañá, pois cando o sol quentaba, derretía. [22]Ao día sexto recollían ración dobre, dous *hómer* por persoa. Os anciáns da asemblea viñéronllo dicir a Moisés. [23]Moisés respondeulles: –Iso é o que tiña dito o Señor. Mañá é día de lecer, dedicado ao Señor. Cocede hoxe o que teñades que cocer, guisade o que teñades para guisar, e todo o que vos sobre, gardádeo para mañá.

[24]Eles gardárono para o día seguinte, conforme dispuxera Moisés, e non podreceu nin colleu vermes. [25]Díxolles Moisés: –Comédeo hoxe, que é sábado, dedicado ao Señor. Hoxe non o atoparedes fóra. [26]Poderédelo coller seis días na semana; pero o día sétimo, sábado, non o atoparedes.

[27]Algúns saíron a recoller no día sétimo, pero non encontraron nada. [28]O Señor díxolle a Moisés: –Ata cando vos negaredes a gardar os meus preceptos e as miñas leis? [29]Vedes que o Señor vos deu o sábado. Por iso vos manda o pan de dous días no día sexto. Que cada un quede na súa casa e que ninguén saia do seu sitio o día sétimo.

[30]E o pobo descansou o día sétimo. [31]Os israelitas chamáronlle "maná" a aquel pan. Era branco, coma semente de coriandro, e sabía a pan con mel. [32]Díxolles Moisés: –Isto manda o Señor: enchede un *hómer* de maná e conservádeo, para que as xeracións vindeiras poidan ver o pan que eu vos dei no deserto para comer, cando vos saquei de Exipto.

[33]E Moisés díxolle a Aharón: –Colle un balde, mete nel un *hómer* de maná e pono diante do Señor, como mostra que se garda para as vindeiras xeracións.

[34]Aharón, seguindo o mandado do Señor a Moisés, puxo o balde de maná diante do Testemuño. [35]Os israelitas comeron o maná por corenta anos, ata chegaren a terra de cultivo. Mantivéronse con el ata entraren na fronteira do país de Canaán. [36]O *hómer* é a décima parte dun *efah*.

### A auga do penedo

**17** [1]A asemblea dos israelitas, seguindo as ordes do Señor, saíu do deserto de Sin e, por xeiras, chegou a Refidim, onde acampou. O pobo non atopou alí auga que beber, [2]e rifaba con Moisés, esixindo: –Dános auga para beber.

El respondíalles: –Por que rifades comigo e tentades o Señor?

[3]Pero o pobo, sedento, seguía queixándose por auga a Moisés: –Por que nos sacaches de Exipto, para facernos morrer de sede, a nós, aos nosos fillos e á nosa habenza?

[4]Moisés clamou entón cara ao Señor: –Que podo facer con esta xente? Acabarán por acantazarme.

[5]O Señor respondeulle: –Pasa diante do pobo, toma contigo algúns dos anciáns de Israel, leva na man a vara coa que batiches o Nilo, e camiña. [6]Eu presentareime diante túa alá no Horeb, onda o penedo. Ti baterás o penedo, e sairá auga del para que o pobo beba.

Moisés fíxoo así, á vista dos anciáns de Israel. [7]Chamáronlle a aquel lugar Masah e Meribah, porque os israelitas contenderon co Señor e puxérono á proba, preguntando: –Está o Señor connosco ou non?

### Guerra cos amalecitas

[8]Viñeron os amalecitas e atacaron a Israel en Refidim. [9]Moisés díxolle a Xosué: –Escolle uns poucos homes e sae a loitar con Amalec. De mañá eu estarei no cume do outeiro, coa vara de Deus na man.

[10]Xosué fixo o que lle mandaba Moisés e foi loitar con Amalec, mentres Moisés, Aharón e Hur subían ao cume do outeiro. [11]Cando Moisés erguía as mans, vencía Israel; cando as baixaba, vencía Amalec. [12]As mans de Moisés estaban cansas, e eles colleron unha pedra e puxéronlla de asento, ao tempo que Aharón e Hur, un por cada lado, lle sostiñan as mans ergueitas. As mans de Moisés estiveron ergueitas ata a posta do sol. [13]Xosué venceu a Amalec e á súa xente, a fío de espada. [14]O Señor díxolle a Moisés: –Escribe isto nun libro de memorias, e dille a Xosué que

**16**, 34 *O Testemuño* son as táboas da alianza.
**17**, 1ss Este mesmo episodio da auga en Refidim pono o autor de Núm **20**, 1-13 en Cadex.
**17**, 3 A queixa pola auga no deserto repítese unha e outra vez (**15**, 23s).
**17**, 7 *Masah e Meribah*, respectivamente "proba" e "contenda", reflicten as actitudes dos israelitas diante do seu guieiro e diante de Deus. Os nomes repítense moitas veces (Núm **20**, 25; Dt **6**, 19; **9**, 22; Sal **95**, 8; **106**, 32).
**17**, 8ss Relato iavista sobre outra sorte de perigos do deserto: enfrontamentos con outros nómades e liortas pola posesión dos mesmos sitios. Os amalecitas eran nómades da montaña de Seir (Xén **14**, 6; **33**, 14. 16), inimigos vellos de Israel (Núm **24**, 20; Dt **25**, 17-19; 1 Sam **15**, 2-3).

eu borrarei o recordo de Amalec de debaixo do sol.
15Moisés construíu un altar ao Señor, e chamoulle "Señor, miña-bandeira", 16neste sentido: Xa que a súa man se levantou contra o trono do Señor, o Señor está en guerra con Amalec de xeración en xeración.

### Moisés co seu sogro Ietró

**18** 1Ietró, sacerdote de Madián, sogro de Moisés, soubo o que Deus fixera con Moisés e co seu pobo Israel, ao sacalos de Exipto. 2Ietró recollera a Séfora, muller de Moisés, cando este se despedira, 3e tamén os seus dous fillos, un chamado Guerxom, por aquilo de que "forasteiro fun en terra allea", 4e outro de nome Eliézer, que quere dicir: "O Deus de meu pai é quen me axuda e quen me librou da espada do faraón".
5Ietró, sogro de Moisés, foi cos fillos e coa muller ao encontro do seu xenro, no deserto, onde acampaba Moisés na montaña de Deus. 6Mandoulle dicir a Moisés: –Eu son o teu sogro Ietró, que te veño ver coa túa muller e cos teus fillos.
7Moisés saíu ao encontro do seu sogro; inclinouse e bicouno; saudáronse e entraron na tenda. 8Moisés contoulle a seu sogro o que Deus fixera co faraón e cos exipcios por mor de Israel, e as coitas que tiveran na viaxe e como o Señor os librara delas. 9Ietró alegrouse de todo o ben que o Señor fixera a Israel, librándoo da man dos exipcios. 10E dixo: –Bendito sexa o Señor que vos librou do poder dos exipcios e da man do faraón e que salvou o pobo do xugo de Exipto. 11Agora sei que o Señor é máis ca todos os deuses, pois así o mostrou cando eles se erguían contra vós.
12Despois Ietró, sogro de Moisés, ofreceu a Deus sacrificios e holocaustos. Aharón e todos os anciáns de Israel viñeron e comeron con el na presenza de Deus.

### Institución dos xuíces

13Ao día seguinte sentou Moisés para xulgar as contendas do pobo. A xente acudía onda Moisés desde a mañá á noite. 14Ao ver Ietró o que o seu xenro facía polo pobo, preguntoulle: –Por que fas así coa xente? Por que te sentas ti só a xulgar, coa xente toda ao redor, da mañá á noite?
15Moisés respondeulle a seu sogro: –A xente vén onda min para consultar a Deus. 16Cando teñen un preito, acoden onda min, para que eu decida e lles ensine os mandamentos e as leis de Deus.
17O sogro aconselloulle: –Non está ben o que fas. 18Dese xeito esgotarédesvos, ti e mais o pobo que vai contigo. A tarefa reborda das túas forzas, e non poderás cumprila só. 19Agora faime caso. Eu dareiche un consello, e que Deus estea contigo. Ti representarás ao pobo diante Deus, levando á súa presenza os seus preitos. 20E ao pobo recoméndalle os mandamentos e as leis, ensínalle o camiño que han seguir e as cousas que han facer. 21Procura no medio do pobo homes de valer e que teñan temor de Deus, homes firmes, inimigos da cobiza, e ponos á fronte do pobo, como xefes de mil, de cen, de cincuenta e de dez. 22Eles xulgarán ao pobo a calquera hora. Que che leven a ti os preitos graves, e que resolvan eles os pequenos. A tarefa será máis liviá para ti, se eles levan contigo o peso. 23Se fas como che digo, poderás aturar ese traballo que Deus che ordenou, e todo este pobo chegará con ben ao seu destino.
24Moisés escoitou as palabras do seu sogro e fixo o que lle aconsellaba. 25Elixiu de entre todo Israel homes de valer e púxoos á cabeza do pobo, como xefes de mil, de cen, de cincuenta e de dez. 26Administraban xustiza a calquera hora. Os preitos graves levábanllos a Moisés e os pequenos xulgábanos eles. 27Moisés despediuse do seu sogro, e este volveu para a súa terra.

**17**, 15 *Señor, miña-bandeira*, "Iavé Nissí".
**18** Este capítulo elohista conta con que Moisés estivo xa antes en Madián (**2**, 11-**4**, 31). Agora temos datos novos sobre a importante relación de Moisés cos madianitas. O sogro de Moisés venera a Iavé, ofrece el mesmo sacrificios diante dos hebreos e aconséllalle a Moisés a institución dos xuíces. Hai certas razóns para pensar que o nome de Iavé procede de onda os madianitas. Iso non quere dicir que estea aí a orixe do iavismo. O iavismo orixinouse do que veu a significar Iavé para Israel. O capítulo recorda o pasado e di como se esixe e se cumpre a xustiza no pobo liberado por Iavé da opresión.
**18**, 2-6 Aquí dáse por feito que Séfora quedara cos fillos na casa de seu pai, mentres Moisés volveu a Exipto; de **4**, 19s. 24-26 parece que se desprendería que foi con el. Do fillo Guerxom xa sabiamos (**2**, 22); agora hai outro fillo, Eliézer, "o meu Deus acorre".
**18**, 16ss Esta descentralización da práctica xudicial parece nese momento anacrónica. Teriamos aquí, máis ben, a etioloxía da institución dos xuíces na época monárquica. Unha cousa parecida acontece co desdobramento da función profética de Moisés en favor dos setenta anciáns, en Núm **11**, 14ss.
**18**, 21s Tamén tería xeito a hipótese de que esta institución dos xuíces se corresponda cos chamados "pequenos xuíces" no libro do seu nome (Xuí **10**, 1ss; **12**, 8ss).

# A ALIANZA NO SINAÍ

## Ofrecemento da alianza

**19** [1]O día en que se cumprían os tres meses da saída dos israelitas de Exipto, chegaron ao deserto do Sinaí. [2]Procedentes de Refidim, chegaron ao deserto do Sinaí e acamparon alí, ao pé do monte. [3]Moisés subiu ao encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña, para mandarlle dicir aos descendentes de Xacob, comunicarlles aos israelitas: [4]–Vistes como tratei os exipcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguia e vos acheguei a min. [5]Se agora me obedecedes e gardades a miña alianza, seredes a miña propiedade escolleita entre todos os pobos, pois a terra é toda miña. [6]Vós seredes para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado. Isto é o que lles has dicir aos israelitas.

[7]Moisés foi chamar os anciáns de Israel, para exporlles as palabras que lle mandara o Señor. [8]O pobo todo a unha respondeu: –Faremos todo o que dixo o Señor.

Moisés volveu onda o Señor coas palabras do pobo. [9]O Señor díxolle a Moisés: –Voume acercar a ti na mesta nube, para que o pobo oia como falo contigo e para que en diante crea en ti.

Moisés levoulle ao Señor a resposta do pobo.

## A teofanía

[10]O Señor díxolle a Moisés: –Volve onda o pobo. Purificádevos hoxe e mañá, que laven a roupa [11]e que estean preparados para de aquí a tres días, pois no terceiro día baixará o Señor sobre o monte Sinaí, á vista de todo o pobo. [12]Ti fixaraslle ao pobo un lindeiro ao arredor da montaña e diraslle: "Gardádevos de subir pola montaña, e mesmo de aproximarvos ás súas abas". O que se aproxime á montaña, morrerá. [13]A ese tal non o tocaredes coa man, senón que o mataredes a pedradas ou con frechas. O mesmo se é un animal coma se é un home, non quedará con vida. Só cando soe o corno, poderán subir á montaña.

[14]Moisés baixou da montaña onda ao pobo. Purificouno e fíxolle lavar a roupa. [15]Despois díxolles: –Estade preparados para o terceiro día, e que ningún home se achegue á súa muller.

[16]Ao amencer do terceiro día houbo trebóns e lóstregos e unha nube mesta cubría a montaña. A trompeta soou moi forte e o pobo no campamento arrepiaba co medo. [17]Moisés fixo saír o pobo do campamento e levouno ao encontro de Deus. Quedaron todos en pé na aba da montaña. [18]O monte

**19**ss O terceiro gran tema do libro do Éx é a alianza. Esta sitúase no medio do camiño do deserto, nun punto no que nunhas tradicións se chama Sinaí e noutras Horeb. A alianza é a constitución de Israel como pobo de Deus. O que se quere expresar con ese termo foi un acontecemento, un compromiso que se renovou e que se celebrou periodicamente nunha festa. Xustamente os capítulos que tratan da alianza teñen linguaxe cúltica, pois foi na liturxia onde viviu o recordo do acontecemento orixinal. Quere dicir que o acontecemento dunha vez se converteu en institución. Nela quixo o pobo de Israel definir a súa identidade. Estes capítulos presentan a alianza en dous momentos. O primeiro é unha teofanía: Deus vén ao encontro do pobo para ofrecerlle a alianza (Éx **19**); o segundo é a conclusión da alianza, por medio duns ritos, co pobo que a acepta (Éx **24**; **34**).

**19** O encontro ao que dá lugar a teofanía parece a razón do éxodo, se un o mira desde Exipto. Mais agora non se presenta como termo, senón como comezo: está en función da alianza.

**19**, 1s A tradición sacerdotal interésase pola cronoloxía e polo sitio. A localización do Sinaí é incerta e discutida. Segundo o parecer máis estendido e máis "tradicional", estaría no sur da península que hoxe leva ese nome. Pero agora hai moitos que pensan no noroeste de Arabia, terra dos madianitas e terreo volcánico, como parece supor a descrición da teofanía (Éx **19**, 18).

**19**, 4 O que Deus fixo primeiro polo pobo, ao salvalo da servidume, é o que fundamenta a alianza. Esta ten por obxecto manter unha relación que comezou cando o pobo se viu salvado.

**19**, 6 Os que queiran responder e conducirse como salvados, constituirán un pobo "consagrado" ao Señor, vivindo nun ámbito de santidade que fai santos (Dt **7**, 6; **26**, 19; Xer **2**, 3; 1Pe **2**, 5. 9).

**19**, 8 A palabra libre do pobo é indispensable para que se faga a alianza. Esta non se pode concibir como unha relación natural do home con Deus, coma nas relixións naturistas, senón como relación persoal, libre, responsable, que cada un ten que decidir ao facer a gran opción, e despois moitas veces.

**19**, 9 A nube mesta e pecha recorre xeralmente na tradición elohista; é un dos sinais que Deus usa para facerse sentir presente no camiño do deserto.

**19**, 10s As purificacións rituais preparan para o culto; o acontecemento sinaítico debúxase aquí á luz da praxe cúltica do templo.

**19**, 12 Trátase do espazo sagrado, cos lindeiros que ten sempre un lugar de teofanía, un santuario ou o templo (Xén **28**, 16s; Éx **3**, 5; Lev **16**, 2; 2 Sam **6**, 7).

**19**, 16ss A teofanía sinaítica é un acontecemento que se deu unha vez. Pero despois representouse no culto dos santuarios e do templo. No relato mestúranse cos elementos naturais outros que son litúrxicos, coma as trompetas que imitan o ruído do trebón. A representación debía actualizar o que pasara unha vez, co mesmo efecto no pobo. A linguaxe que quere reproducir o que pasou, faría pensar nunha tempestade ou nun volcán como lugares da teofanía. A tradición elohista coa súa nube mesta, os trebóns e os lóstregos, preferiu o primeiro; a tradición iavista co lume, o fume e o tremer da montaña, garda a imaxe do segundo. Fóra desas versións, temos tamén a propia da tradición deuteronomista (Dt **4**, 11s) e a da tradición sacerdotal (Éx **24**, 15-17).

Sinaí fumegaba todo, porque o Señor baixara sobre el en medio de lume. Subía fume coma dun forno e toda a montaña tremía. [19]O son da trompeta facíase máis forte, mentres Moisés falaba e Deus respondíalle polo trebón. [20]O Señor baixou sobre o monte Sinaí, ao seu cume, e chamou por Moisés, para que subise onda El. E Moisés subiu. [21]O Señor díxolle a Moisés: –Baixa e advírtelle ao pobo que non traspasen os lindeiros para veren o Señor, pois morrerían moitos deles. [22]Tamén os sacerdotes que se aproximen ao Señor terán que se purificar, para que non rompa contra eles o Señor.

[23]Moisés díxolle ao Señor: –O pobo non poderá subir ao monte Sinaí, pois ti mesmo nos advertiches: "Facede un lindeiro ao redor da montaña e declarádea sagrada".

[24]O Señor respondeulle: –Anda, baixa, e sube despois con Aharón. E que nin os sacerdotes nin o pobo traspasen os lindeiros para subir onda o Señor, non sexa que irrompa contra eles.

[25]Moisés baixou e advertiulle iso ao pobo.

### Os dez mandamentos

**20** [1]O Señor pronunciou estas palabras: [2]–Eu son o Señor, o teu Deus, que te saquei da terra de Exipto, da condición de escravitude.

[3]Non terás xunto comigo outros deuses.

[4]Non farás para ti imaxes nin figura ningunha do que hai enriba no ceo, nin abaixo na terra, nin nas augas de debaixo da terra. [5]Non te prostrarás diante delas nin as adorarás, pois eu, o Señor teu Deus, son un Deus celoso. No caso dos que me aborrecen, eu castigo os pecados dos pais nos fillos, nos netos e nos bisnetos. [6]Pero no caso dos que me aman e gardan os meus preceptos, eu mostro misericordia por todas as xeracións.

[7]Non pronunciarás en van o nome do Señor o teu Deus, pois o Señor non deixa sen castigo ao que pronuncia en van o seu nome.

[8]Pensa no día do sábado, para o faceres día santo. [9]Traballarás seis días na semana e neles farás a túa tarefa. [10]Pero o día sétimo é sábado, dedicado ao Señor o teu Deus. Nel non farás traballo ningún, nin ti, nin o teu fillo, nin a túa filla, nin o teu servo, nin a túa serva, nin o teu gando, nin o forasteiro que habite nas túas cidades. [11]Porque o Señor fixo en seis días o ceo, a terra, o mar e todo o que hai neles, e no sétimo día descansou. Por iso mesmo bendiciu o Señor o día do sábado e declarouno día santo.

[12]Honra a teu pai e a túa nai, para que a túa vida sexa longa na terra que o Señor teu Deus che dá.

[13]Non matarás.

[14]Non cometerás adulterio.

[15]Non roubarás.

[16]Non darás un testemuño falso contra o teu próximo.

[17]Non cobizarás a casa do teu próximo: nin a súa muller, nin o seu escravo, nin a súa escrava, nin o seu boi, nin o seu burro, nin nada de canto é seu.

[18]O pobo enteiro percibía os tronos, os lóstregos, o soar da trompeta e o fumegar do monte. A vista diso tremía e mantíñase lonxe. [19]Dicíanlle a Moisés: –Fálanos ti e escoitaremos; pero que non nos fale Deus, non sexa que morramos.

[20]Moisés respondeulles: –Non teñades medo. Deus vén para probarvos e para que teñades á vista o seu temor e non pequedes.

[21]O pobo quedou lonxe, e Moisés aproximouse á nube mesta, onde estaba Deus.

**20**ss Estes versos repiten o que xa estaba dito. As varias versións mestúranse. A versión iavista do v. 18 aparece de novo en **20**, 18.

**20**, 1-17 Este pequeno código de leis chámase *Decálogo mosaico* (dez palabras, dadas por Deus a Moisés). Revela a vontade de Deus ao pobo que se quere manter na súa alianza. Non hai razón que negue a súa orixe nos días de Moisés, aínda que a forma que hoxe ten a adquirise máis tarde. Outra versión das mesmas dez palabras, con algunhas variantes, atopámola en Dt **5**, 6-21. Na forma primitiva todos os preceptos debían ser máis curtos. Case todos os preceptos teñen forma negativa e todos apodíctica. A primeira metade mira a manter a relación recta con Deus, e a segunda, coas persoas. O xusto comportamento nesas dúas direccións, que á fin son unha mesma, pois unha pasa pola outra, é o que constitúe o pobo da alianza. O Decálogo vén dicir que para ser persoa cabal hai que contar con Deus e coas persoas.

**20**, 2 O feito de que Deus salvou e salva, é o que dá orixe á alianza e o que xustifica a súa lei.

**20**, 3 A fórmula non di que non haxa outros deuses: dille á persoa concreta que non teña por deus aquilo que non se revelou ser salvador seu.

**20**, 4 Prohibición de facer imaxes de Iavé, pois non hai cousa no mundo que o poida representar; a representación exporía a facer un ídolo da imaxe.

**20**, 7 *Pronunciar en van*, coa blasfemia, co xuramento en falso, coa invocación ociosa e baldeira de sentido.

**20**, 8 *O sábado* é unha institución moi vella no antigo Oriente. Para os israelitas adquiriu moita importancia durante o desterro, como sinal da súa identidade; de aí a súa relevancia na tradición sacerdotal, que é do exilio. O obxecto do sábado non é o culto, senón o repouso e a reflexión do que ese día significa. Fundaméntase na actitude de repouso de Deus ante a creación (Xén **2**, 2s), e ten por razón humanitaria o repouso dos servos e dos animais que traballan (Éx **23**, 12; Dt **5**,14).

**20**, 12 Sobre o respecto aos pais, cf tamén Lev **19**, 3; Eclo **3**, 1-16.

**20**, 18 Agora seguiría o fío roto en Éx **19**, 18. O pobo prefire que lle fale o mediador, e non Deus mesmo, por medo de morrer (Éx **19**, 21; **33**, 20; Dt **5**, 24-26).

### Código da alianza: o altar

[22]O Señor díxolle a Moisés: –Fálalles aos
israelitas: Vós mesmos puidestes ver como
vos dirixín a palabra desde o ceo. [23]Non fa-
redes deuses de prata para poñelos ao meu
lado, nin vos fabricaredes deuses de ouro.
[24]Faime un altar de terra e ofréceme sobre el
os holocaustos e os sacrificios de comuñón,
as túas ovellas e as túas vacas. En calquera
sitio onde eu faga o meu nome memorable,
virei onda ti e bendicireite. [25]Se me fas un
altar de pedra, non o fagas de pedra labrada,
pois ao picar a pedra co punteiro, lixaríala.
[26]Non subas ao meu altar por escaleiras, para
non mostrares desde elas as túas partes.

### Os servos

**21** [1]Ensínalles tamén estas decisións: [2]Se
mercas un servo hebreo, servirate por
seis anos; pero no sétimo quedará libre, sen
rescate. [3]Se entrou solteiro, solteiro sairá; se
estaba casado, a muller sairá con el. [4]Se o
amo lle deu muller e esta lle deu a luz fillos
e fillas, a muller e mais os seus nenos serán
para o amo, e el sairá só.

[5]Se o servo di: "Quérolle ao meu amo, á
miña muller e aos meus fillos e non quero
saír libre"; [6]entón o amo levarao á presenza
de Deus, porao contra a porta ou contra os
linteis, fararalle a orella cunha subela, e el
quedará como servo seu para sempre.

[7]Se alguén vende a súa filla por escrava, esta
non sairá libre como saen os escravos. [8]Can-
do non lle guste ao amo que a destinara para
si, este tena que deixar rescatar. Non a poderá
vender a estranxeiros, cometendo traizón con
ela. [9]Se o amo a tiña destinada para o seu fillo,
trataraa coma filla. [10]Se el toma para si outra
muller, non lle negará á serva a mantenza, o
vestido e os dereitos maritais. [11]Se non lle dese
estas tres cousas, ela sairía libre sen rescate.

### Leis sobre crimes e feridas

[12]O que fira de morte a un home, será reo
de morte. [13]Para o que non estaba ao axexo,
senón que Deus llo puxo nas mans, sinalarei-
che un sitio, onde poida atopar asilo. [14]Pero
se alguén se ergue aleivosamente contra o
próximo e o mata a traizón, sacarédelo mes-
mo de onda o altar para que morra.

[15]O que fire a seu pai ou súa nai é reo de
morte. [16]O que rapte un home, o mesmo se
logo o vende coma se o retén no seu poder, é
reo de morte. [17]O que maldiga a seu pai ou a
súa nai é reo de morte.

[18]Se estala unha rifa e un home fire a out-
tro cunha pedrada ou co puño e o ferido non
morre, pero ten que gardar cama, [19]no caso
de que poida erguerse e andar por fóra cun
caxato, o que o feriu será absolto, pero terá
que pagarlle o tempo que bote na cama e as
medicinas.

[20]Se un home malla a paus o seu servo ou a
súa serva, de xeito que chegue a matalo, será
reo de crime. [21]Pero se o servo dura con vida
un día ou dous, o amo non será suxeito de
vinganza, pois era a súa propiedade.

[22]Se nunha pelexa entre homes algún bate
a unha muller embarazada e lle provoca un
malparto, pero sen que aconteza outra des-
graza, o culpado pagará a cantidade que si-
nale o home da muller e que estimen os xuí-
ces. [23]Se chega a resultar un dano grave, a
compensación será vida por vida, [24]ollo por
ollo, dente por dente, man por man, pé por
pé, [25]queimadura por queimadura, ferida por
ferida, mancadela por mancadela.

[26]Se alguén fire nun ollo ao seu servo ou á
súa serva e os deixa tortos, deberá darlles a
liberdade polo ollo. [27]Se lles rompe un dente,
deberá darlles a liberdade polo dente.

[28]Se un boi cornea a un home ou a unha
muller, causándolle a morte, o boi será ape-
drado, e ninguén comerá a súa carne; o dono
será declarado inocente. [29]Pero se o boi era
turrón xa de atrás e, advertido o seu dono, este
non o gardou, o boi morrerá apedrado e o seu
dono será reo de morte. [30]Se lle impoñen un
rescate pola vida, terá que pagar a cantidade
que lle impoñan. [31]Se o boi cornea un rapaz

**20**, 22ss Aquí comeza o *Código da alianza*, que se alonga deica Éx **23**, 33. O nome vénlle de Éx **24**, 7. As súas leis, ou algunhas delas, non se dirixen a un pobo que vive no deserto, senón en terra de cultivo. Non pode ser de Moisés, senón da época da sedentarización de Israel. Inspirouse, na súa forma condicional e no seu contido, nas leis de Canaán, que xa teñen os seus precedentes nas leis de Hammurabi e noutros códigos orientais máis antigos. Neste código desenvólvese moito máis o dobre contido do *Decálogo mosaico*. Está posto no contexto da conclusión da alianza, pois é nesta onde ten sentido e razón toda a lei.
**20**, 24 Queda lonxe aínda a idea da centralización do culto no templo de Xerusalén (Dt **12**, 5). Deus é quen sinala os sitios do seu culto. Alí onde El vén ao encontro das persoas, ábreselle ao ceo unha porta e xorde unha casa de Deus (Xén **28**, 17).
**21**, 2 Liberación correspondente ao ano sabático (Éx **23**, 10s; Lev **21**, 1-7; Xer **34**, 8-16).
**21**, 13 O lugar de asilo é o santuario (1 Re **1**, 50; **2**, 28-34) e mais as cidades de refuxio (Núm **35**, 9ss; Dt **19**; Xos **20**, 1).
**21**, 23s A lei do talión entende a xustiza ao pé da letra. O lado positivo desta lei, que xa rexía en Mesopotamia e que se segue en Israel (Lev **24**, 19-20; Dt **19**, 21), está en que pon lindeiros á vinganza, sempre disposta a superar o mal da ofensa (Xén **4**, 23s). Pero mellor ca a vinganza e ca a mesma lei do talión é o perdón (Lev **19**, 18).

ou unha rapaza, seguirase a mesma regra. [32]Se o boi turra contra un servo ou unha serva, o dono terá que pagar ao dono destes trinta siclos de prata, e o boi morrerá acantazado.

[33]Cando alguén cave un pozo ou abra unha foxa, se non a tapa e cae nel un boi ou un burro, [34]o dono do pozo terá que pagar o que lle valía o animal ao seu dono, pero aquel quedarase co animal morto. [35]Se o boi de alguén manca o boi doutro e o mata, venderán o boi vivo e repartirán os cartos, e o boi morto irá tamén a medias. [36]Pero se era sabido de atrás que o boi era escornón, e o seu dono non o gardou, terá que pagar un boi por outro e o boi morto será seu.

### Roubo e outros danos

[37]Se alguén rouba un boi ou unha ovella e os mata ou os vende, pagará cinco bois por un e catro ovellas por unha.

**22** [1]Se un ladrón é sorprendido furando unha parede e niso o feren e morre, non terá vinganza do sangue. [2]Se o sol xa saíra, o ladrón será vingado, pero pagará polo furto; se non ten con que pagar, será vendido. [3]Se o boi, o burro ou a ovella que roubou se atopan no seu poder aínda vivos, terá que pagar o dobre.

[4]Cando alguén asoballe un eido ou unha viña, deixando pacer no eido alleo o seu rabaño, pagará o dano co mellor do seu eido e da súa viña. [5]Se se escapa o lume e pega nas silveiras e queima as medas do trigo, os palleiros ou as leiras, o que acendeu o lume pagará o queimado.

[6]Cando alguén poña en depósito diñeiro ou alfaias onda outro e rouben os bens da casa deste, se aparece o ladrón, este pagará o dobre. [7]Se o ladrón non aparece, o dono da casa comparecerá na presenza de Deus, para xurar que non tocou os bens do próximo.

[8]En caso de prexuízo na propiedade dun boi, dun burro, dunha ovella, de roupa e de calquera cousa que falte e da que un poida dicir: "É esta", levarase o caso dos dous á presenza de Deus, e aquel que Deus declare culpado pagará o dobre ao seu próximo.

[9]Cando alguén lle encargue ao seu veciño a garda dun burro, dun boi, dunha ovella ou de calquera outro animal e ese animal morre, creba un óso ou é roubado, sen que ninguén o vexa, [10]o segundo xurará polo Señor ao primeiro que non tocou os seus bens. Este terá que conformarse, pois non haberá compensación. [11]Pero se lle roubaron o animal á súa vista, terá que restituírllo ao seu dono. [12]Se o animal foi despezado, presentará unha proba e non terá que pagalo.

[13]Cando alguén lle pida a un veciño un animal prestado, se o animal morre ou rompe un óso, estando ausente o seu dono, aquel terá que pagarllo. [14]Se o dono estaba presente, non terá que pagarllo. Se o animal era arrendado, entra no arrendo.

### Leis morais e relixiosas

[15]Se un home engaiola unha rapaza solteira e se deita con ela, deberá pagar o seu dote e tomala por muller. [16]Se o pai dela se nega a darlla, o home pagará unha cantidade de diñeiro igual ao dote polas doncelas.

[17]Non deixarás con vida ás feiticeiras.

[18]O que se axunte cun animal será reo de morte.

[19]O que ofreza sacrificios a outros deuses, fóra do Señor, será condenado.

[20]Non aflixirás nin asoballarás os forasteiros, pois forasteiros fostes vós en terras de Exipto.

[21]Non oprimirás as viúvas nin os orfos. [22]Se de feito os oprimes e eles se queixan a min, eu escoitarei certamente a súa queixa. [23]O meu anoxo acenderase e fareivos morrer a espada. As vosas mulleres quedarán viúvas e os vosos fillos orfos.

[24]Se lle emprestas diñeiro a un do meu pobo, ao pobre que vive onda ti, non te portarás coma un usureiro, cobrándolle xuros. [25]Se tomas en peñor o manto do teu próximo, antes de poñerse o sol devolverasllo, [26]pois é o vestido que ten para cubrir o seu corpo. Con que, se non, se taparía ao deitarse? Se se queixa a min, escoitareino, porque eu son misericordioso.

[27]Non blasfemes de Deus nin maldigas o xefe do teu pobo.

[28]Non te descoides na oferta da colleita e da vendima.

Dáme os teus fillos primoxénitos. [29]E o mesmo farás cos dos teus gandos e cos dos teus rabaños. Deixarás sete días a cría coa súa nai e no oitavo entregarasma.

**22**, 7s Deus declara culpado ou inocente, cando se acode á súa decisión, polo xuízo do xuíz ou polo xuramento imprecatorio que fai o acusado.
**22**, 16 Un dote coma o que se paga ao casar (Dt **22**, 28s).
**22**, 20-26 Leis sociais, que defenden aos que non se poden defender por eles mesmos (Éx **23**, 6-9; Dt **10**, 18s; **24**, 17s).
**22**, 28 Os primoxénitos son de Deus (Éx **13**, 11), e o mesmo os primeiros froitos da terra e as crías dos animais (Dt **15**, 19-23; **26**, 1s).

30Seredes persoas santas para min. Non
comeredes carne de animais despezados: bo-
tarédesllela aos cans.

### Xustiza

**23** 1Non propagarás rumores mentireiros.
Non te xuntarás cun malvado para dar
testemuño en favor da inxustiza.
2Non te deixes ir coa maioría para facer
o mal, nin te poñas do lado dela nun xuízo,
violando o dereito.
3Non favorecerás ao poderoso na súa cau-
sa.
4Se atopas o boi ou o burro que perdeu o
teu inimigo, levaralos onda el. 5Se ves o burro
do adversario caído baixo a súa carga, non o
deixes abandonado; axúdalle a erguelo.
6Non torzas o dereito no xuízo do pobre.
7Fuxe da causa mentireira. Non fagas con-
denar aos inocentes nin aos xustos, pois eu
non declaro inocente ao malvado.
8Non admitas regalos, pois os regalos ce-
gan mesmo aos asisados e torcen o dereito
dos xustos.
9Non oprimas o estranxeiro. Vós coñece-
des a súa condición, pois fostes estranxeiros
en Exipto.

### O sábado e as festas

10Seis anos sementarás a túa terra e reco-
llerás os seus froitos. 11Pero o sétimo deixa-
rala en barbeito, para que poidan comer os
pobres do teu pobo e pazan do que lles sobre
os animais do monte. Farás o mesmo coa túa
viña e coas túas oliveiras. 12Seis días traballa-
rás, e o sétimo descansarás, para que descan-
se o teu boi e o teu burro, e para que teñan un
respiro o teu servo e o forasteiro.
13Observade todo o que vos digo. Non
invoquedes o nome doutros deuses; que nin
sequera se sinta nos teus labios.

14Celebrarás tres festas no ano. 15Garda
a festa dos Ácimos. Sete días comerás pan
sen levedar, conforme che mandei, no tem-
po fixado do mes de *Abib*, pois nel saístes de
Exipto. E non viredes onda min coas mans
baleiras. 16E a festa da Seitura, dos primei-
ros froitos dos teus traballos, do que semen-
taches nos teus eidos. E a festa da Colleita,
á fin do ano, cando recolles nos teus eidos
o froito do teu traballo. 17Tres veces no ano
comparecerán os homes todos do pobo dian-
te do Señor.
18Non me ofrecerás o sangue dos sacrifi-
cios con pan lévedo. Non deixarás a graxa da
festa ata a mañá. 19Traerás á casa do Señor
o teu Deus as primicias dos froitos da terra.
Non cocerás o cabrito no leite da súa nai.

### O anxo de Deus

20Eu vou mandar o meu anxo diante túa,
para que te garde na viaxe e te leve ao lu-
gar que che teño disposto. 21Respéctao e
faille caso. Non te rebeles contra el. Non
perdoará as vosas rebeldías, pois leva con
el o meu nome. 22Se de verdade o obedeces
e fas o que eu che mande, eu serei inimigo
dos teus inimigos, adversario dos teus ad-
versarios.

### Na terra dos cananeos

23O meu anxo irá diante de ti e levarate á
terra dos amorreos, dos hititas, dos pericitas,
dos cananeos, dos hivitas e dos iebuseos, que
eu destruirei. 24Non te prostrarás diante dos
seus deuses nin os adorarás. Non farás o que
fan eles, senón que os destruirás e romperás
as súas imaxes. 25Vós serviredes ao Señor o
voso Deus, e el bendicirá o voso pan e a vosa
auga. Eu afastarei de ti todas as doenzas.
26Non haberá na túa terra muller estéril nin
que aborte. E ateigareite de vida.

**23**, 4s Sobre cousas perdidas do inimigo, cf tamén Dt **22**, 1-4.
**23**, 6-9 Leis en defensa dos pobres (Éx **22**, 20ss).
**23**, 10ss A institución do ano sabático, tirada do sábado, revela boa sensibilidade perante os problemas sociais (Lev **25**, 1; Dt **24**, 19).
**23**, 14ss As tres grandes festas do ano correspóndense co ritmo do ano agrícola: a sega da cebada na primavera, a do trigo no verán e a colleita do viño e das olivas no outono. Os israelitas tomaron estas festas da relixión cananea, pero déronlles outro contido. Iavé revelárase lles xa na súa historia nómade, e non agardaron a coñecelo nos froitos da terra de cultivo. De aí que lles desen ás festas o contido dos grandes momentos da historia que viviran. Nos Ácimos (xunto coa Pascua) celebraron a liberación da servidume; na Seitura (Semanas ou Pentecoste), a revelación da lei; na Colleita (Cabanas), a morada no deserto. Temos tantos calendarios das festas coma versións da tradición ten o Pentateuco. Este que agora comentamos é da versión elohista; o da iavista atópase en Éx **34**, 14-17; o do Deuteronomio, en Dt **16**, 1-16; e o da versión sacerdotal, en Lev **23**.
**23**, 19 Prohibición dunha práctica que existe no culto cananeo (Éx **34**, 26; Dt **24**, 21).
**23**, 20ss De leis propiamente ditas pasamos aquí a normas e consellos, de estilo deuteronómico, en vistas ao xusto comportamento na terra dos cananeos. Está en xogo a bendición ou a maldición, a felicidade ou a desgraza. O anxo de Deus é un dos moitos sinais da presenza divina no camiño do deserto. Calquera acontecemento, cousa ou persoa, pode ser un anxo de Deus, un mensaxeiro seu.
**23**, 24 *Imaxes*, ou fitas, representacións das forzas da fertilidade na relixión cananea (Éx **34**, 13; Dt **7**, 5; **12**, 3; Os **3**, 4). O Deus que veu do deserto ten na man o dominio da fertilidade (v. 26).

27Eu mandarei o meu terror diante de
ti, espantarei os pobos aos que chegues, e
todos os teus inimigos viraranse de costas
ante ti. 28Mandarei diante de ti avésporas,
que farán fuxir da túa presenza aos hivitas,
aos cananeos, aos hititas. 29Non os bota-
rei todos á vez, para que non quede a terra
deserta e que non se multipliquen as feras
salvaxes contra ti. 30Botareinos aos poucos,
namentres ti vas crecendo e tomando pose-
sión do país.
31Fixarei os lindeiros da túa terra desde o
mar Vermello ao mar dos filisteos e desde o
deserto ata o Éufrates. Porei nas túas mans os
habitantes do país, botareinos da túa presen-
za. 32Ti non farás con eles nin cos seus deuses
ningún pacto. 33Tampouco non os deixarás
quedar na túa terra, para que non te fagan pe-
car contra min servindo aos seus deuses, que
serán para ti unha trapela.

### Conclusión e rito da alianza

**24** 1O Señor díxolle a Moisés: –Subide
onda min, ti, Aharón, Nadab, Abihú e
setenta anciáns de Israel, e prostrádevos des-
de lonxe. 2Soamente Moisés se aproximará
ao Señor, pero non os outros. E o pobo que
non suba.
3Moisés veu e expúxolle ao pobo as pala-
bras do Señor e as súas decisións, e o pobo a
unha respondeu: –Faremos todo o que dixo
o Señor.
4Moisés puxo por escrito todas as palabras
do Señor. Ao día seguinte Moisés ergueuse
cedo, construíu un altar na aba da montaña
e chantou doce estelas, polas doce tribos de
Israel. 5Despois mandou a algúns mozos is-
raelitas que ofrecesen holocaustos e sacrifi-
cios de comuñón ao Señor. 6Moisés colleu a
metade do sangue e botouna en recipientes e
a outra metade asperxeuna no altar. 7Despois
colleu o libro da alianza e leullo en voz alta
ao pobo. Este respondeu: –Faremos todo o
que dixo o Señor e obedeceremos.
8Entón colleu Moisés o sangue e asperxeu
ao pobo con el, dicindo: –Este é o sangue da
alianza que o Señor fai convosco, conforme
as palabras lidas.
9Moisés, Aharón, Nadab, Abihú e setenta
anciáns de Israel subiron á montaña 10e viron
ao Deus de Israel. Debaixo dos seus pés había
coma un pavimento de zafiro, limpo coma o
mesmo ceo. 11Deus non alongou a man con-
tra os escolleitos de Israel, que puideron ver a
Deus. Despois comeron e beberon. 12O Señor
díxolle a Moisés: –Sube á montaña e queda
onda min. Dareiche as táboas de pedra coa
lei e cos mandamentos que escribín, para que
llos ensines ao pobo.
13Moisés foi, co seu axudante Xosué, e su-
biu ao monte de Deus. 14Aos xefes do pobo
deixáralles encomendado: –Agardade aquí,
ata que volvamos onda vós. Aharón e Hur
quedan convosco. Se alguén tiver un preito,
que llelo expoña a eles.
15Moisés subiu á montaña, que estaba cu-
berta pola nube. 16A gloria do Señor fixera
morada sobre o monte Sinaí. A nube tapou o
monte por seis días. O sétimo día chamou o
Señor a Moisés desde o medio da nube. 17Aos
israelitas a gloria do Señor aparecíalles coma
un lume abouxador no cume da montaña.
18Moisés entrou na nube, subiu á montaña e
quedou alí corenta días coas súas noites.

**23**, 29s A longa duración da conquista da terra debeu producir desconcerto teolóxico. Aquí búscaselle unha razón (Dt **7**, 22).
**23**, 31 Fronteiras do reino de David e Salomón (1 Re **5**, 1).
**24** O segundo momento do acontecemento sinaítico, despois da teofanía (c. **19**), é a conclusión da Alianza. Sepáraos o Decálogo e o Código da Alianza. Esta imaxe da alianza é a da versión elohista (vv. 3-8. 12-15. 18), con algúns trazos da iavista (vv. 1-2. 9-11) e mesmo da sacerdotal. A versión iavista máis completa atópase no c. **34**.
**24**, 1 Os sacerdotes nomeados e os anciáns representan o pobo enteiro.
**24**, 3-8 A conclusión da alianza ten dous eixes: acordo libre de pobo, que acolle como norma da súa vida as "palabras" (leis, mandamentos) do Deus que o salvou, e o rito do sangue. En **19**, 8 e agora, as palabras de Deus son anunciadas ao pobo e logo aínda lidas, para que o pobo diga a súa palabra. O rito faise vertendo o sangue do sacrificio enriba do altar e de doce pedras; o altar representa a Deus e as doce pedras ao pobo; o mesmo sangue xunta os dous nunha familia. Por outro lado está o sacrificio de comuñón, que sela tamén a alianza. Na imaxe da "nova alianza" mantéñense os termos dese rito (Mt **26**, 28).
**24**, 9-11 Co rito do sangue xúntase o dunha comida de comuñón que fan con Deus os representantes do pobo. O dato de que "viron a Deus" quere indicar que estiveron cerca del, todo o máis que é doado a un mortal (**33**, 20). O suxeito de "comeron e beberon" inclúe tamén a Deus, ben que directamente non se diga, pola rudeza do antropomorfismo.
**24**, 12 O dato das táboas leva a imaxinar que os dez mandamentos foron escritos en pedra, quizais nos días de Moisés. Outros pobos escribiron moito antes as súas leis. Pero o que aquí se quere subliñar é que foi Deus mesmo quen as escribiu, recoñecendo a súa autoridade no Decálogo e, ao mesmo tempo, a mostra escrita da súa alianza (**31**, 18; **32**, 15s; **34**, 1-4).
**24**, 16 *A gloria* é a designación sacerdotal da presenza de Deus, como o son noutras versións o anxo, a nube, o lume, o espírito. Quizais a gloria é a nube, que á vez sinala e cobre (**40**, 30s). Coma se tivese corpo, esa forma da presenza dise que está no templo e que se pode ir e volver (**9**, 3; **43**, 1s; 1 Re **8**, 10s).
**24**, 18 A tradición sacerdotal remata con este dato a súa crónica do acontecemento sinaítico. No feito de quedar Moisés por tanto tempo tan lonxe do pobo basearase, máis adiante, o episodio do becerro de ouro (c. **32**).

# SANTUARIO E SACERDOCIO

## Construción do santuario

**25** [1]O Señor faloulle a Moisés: [2]–Dilles aos israelitas que me presenten unha ofrenda. Aceptarédela de todos aqueles que de corazón ma queiran ofrecer. [3]As cousas que podedes aceptar como ofrenda serán: ouro, prata e bronce, [4]púrpura violácea, escarlata e carmesí, liño e pelo de cabra, [5]peles de carneiro curtidas, peles de teixugo e madeira de acacia, [6]aceite para as lámpadas, aromas para o óleo de unción e para o incenso, [7]pedras de ónix e pedras de engaste para o *efod* e para o peitoral. [8]Que me fagan un santuario, onde eu habite no medio deles. [9]Faredes o tabernáculo e os utensilios para o culto conforme ao modelo que eu che indicarei.

## A Arca

[10]Construirás unha arca de madeira de acacia de dous cóbados e medio de longa, un e medio de ancha e un e medio de alta. [11]Revestirala de ouro puro por dentro e por fóra; por riba, ao redor, poraslle unha cinta tamén de ouro. [12]De ouro fundido farás catro argolas e porasllas nos catro cantos, dúas para un flanco e dúas para o outro. [13]Despois farás varais de madeira de acacia, revestiralos de ouro [14]e meteralos polas argolas dos dous lados da arca, para podela transportar. [15]Os varais quedarán metidos nas argolas e non se sacarán delas. [16]Na arca meterás o testemuño que eu che darei.

[17]Farás o propiciatorio de ouro puro, de dous cóbados e medio de longo e un e medio de ancho. [18]Despois cicelarás dous querubíns de ouro para os seus dous extremos. [19]Porás un querubín en cada extremo, formando un corpo co propiciatorio. [20]Os querubíns despregarán as ás cara arriba, cubrindo o propiciatorio; mirarán cara ao centro deste, un enfronte do outro. [21]Porás o propiciatorio encima da Arca e nesta depositarás o testemuño que eu che darei. [22]Desde enriba do propiciatorio, entre os dous querubíns que están encima da arca do testemuño, virei ao teu encontro e direiche todo o que teña que mandarche para os israelitas.

## A mesa dos pans sagrados

[23]Farás unha mesa de madeira de acacia, de dous cóbados de longa, un de ancha e un e medio de alta. [24]Revestirala de ouro puro e porasllе ao redor unha cinta de ouro. [25]Ao redor farasllе un rebordo dun palmo, no que porás tamén unha cinta de ouro. [26]Farás catro argolas de ouro e poralas nos catro cantos da mesa, unha por cada pé. [27]As argolas estarán agarradas no rebordo. Por elas meteranse os varais para transportar a mesa. [28]Os varais faralos de madeira de acacia, revestidos de ouro. Con eles poderase erguer a mesa. [29]Farás tamén pratos, cuncas, xerras e vasos para as libacións, todo de ouro puro. [30]Encol da mesa porás os pans presentados, que estarán sempre diante de min.

## O candelabro

[31]Farás un candelabro de ouro puro, traballado a martelo, coa súa base e co seu fuste. Formarán unha peza con el as súas copas, os seus cálices e as súas corolas. [32]Dos seus lados sairán seis brazos, tres dun lado e tres do outro. [33]Cada brazo terá tres copas, coma a flor da améndoa, co seu cáliz e a súa corola. Serán o mesmo os seis brazos que sairán do candelabro. [34]O candelabro

**25-31** Corpo de leis sacerdotais sobre o santuario e sobre o sacerdocio. Nel atopamos moitos elementos antigos, coma o santuario portátil do deserto, mesturados con outros que pertencen ao culto postexílico. Todo se di que vén de Deus pola boca de Moisés. A escola sacerdotal, no desterro e despois, levou a imaxe do culto dos seus días ás orixes do pobo, recoñecendo con isto que os fundamentos deste están xa aló. A comunidade postexílica atopará aquí a mellor definición da súa identidade. E por onde Deus veu á comunidade a lei da alianza, a comunidade poderá chegar preto de Deus.

**25**, 8 *O santuario* é concibido na tradición sacerdotal como lugar de morada de Deus no medio do seu pobo. Namentres o pobo é nómade, o santuario móvese con el, como unha das súas tendas (Éx **40**, 34; Núm **10**, 35s).

**25**, 10 *A Arca* tiña forma rectangular e levábase dun lado para outro, valéndose de varais. Dentro dela gardábase o Testemuño ou as táboas da alianza (Éx **31**, 18; **34**, 19). Fixo o camiño co pobo, estivo nas súas loitas, e despois de todo perdeuse no templo salomónico (Xos **3**, 3; 1 Sam **4-6**; 2 Sam **6**; 1 Re **8**, 3-9).

**25**, 17 *O propiciatorio* é coma a cuberta da Arca, pero ao mesmo tempo independente dela. No templo postexílico parece que a substituía. Deus estaba alí ou viña ao encontro do pobo, e este ía alí en busca de Deus, para facer a expiación (Lev **16**,12-15).

**25**, 18 *Os querubíns*, xenios gardiáns das grandes mansións do Oriente antigo, eran seres híbridos de home e animal. Aquí vense como complemento da Arca e do propiciatorio. Desde o tempo do santuario de Xiloh, Iavé leva o título de "o que se senta sobre os querubíns" (1 Sam **4**, 4; 2 Sam **6**, 2). Quere dicir que tiñan a función de asento ou de trono.

**25**, 30 *Os pans presentados* ou que se poñen na presenza de Deus considéranse sagrados, ofrenda a Iavé (Lev **24**, 5-9; 1 Sam **21**, 5).

terá no fuste catro copas, coma as flores da
améndoa, cada unha co seu cáliz e coa súa
corola. [35]Debaixo de cada parella de brazos
que saen do candelabro, levará un cáliz. Así
será cos seis brazos. [36]Os cálices e mais os
brazos serán dunha mesma peza, cicelados
en ouro puro. [37]Despois farás sete lámpadas
e poralas no candelabro, para que alumen
cara diante. [38]As pinzas para avivecelas e
os seus cinseiros serán de ouro puro. [39]Cun
talento de ouro puro farás o candelabro e
todos os seus trebellos. [40]Coida de facelo
todo conforme ao modelo que che mostrei
na montaña.

### O tabernáculo

**26** [1]O tabernáculo faralo con dez lenzos
de liño fino torcido, de púrpura violácea, escarlata e carmesí, con querubíns bordados. [2]Cada lenzo terá vinte e oito cóbados de longo por catro de ancho. O mesmo medirán todos os lenzos. [3]Os lenzos empatarán uns cos outros, en dúas series de cinco cada unha. [4]Farás unhas presillas de púrpura violácea, na beira do lenzo extremo de cada unha das dúas series. [5]Cincuenta presillas irán na beira dunha serie e cincuenta na da outra, postas de xeito que caian enfronte unhas das outras. [6]Farás tamén cincuenta broches de ouro e axuntaras os lenzos con eles, de xeito que o tabernáculo figure un conxunto. [7]Tecerás despois once lenzos de pelo de cabra, para que lle fagan de tenda ao tabernáculo. [8]A lonxitude do lenzo será de trinta cóbados e o ancho de catro. Esta será a medida para todos os lenzos. [9]Empatarás cinco lenzos nunha serie e seis noutra, de xeito que o sexto lenzo caia fronte á porta. [10]Porás cincuenta presillas nas beiras de cada unha das dúas series de lenzos encanados. [11]Fundirás cincuenta broches de bronce, meteralos nas presillas, e así quedará composta a tenda nunha peza. [12]En canto ao que sobrara dos lenzos da tenda, a metade dun deles colgará por detrás do tabernáculo, [13]e o cóbado sobrante polos lados colgará polos dous lados do tabernáculo e taparao.

[14]Farás aínda para o tabernáculo unha cuberta de peles curtidas de carneiro, e por riba dela outra cuberta de peles de teixugo.

[15]As táboas do tabernáculo faralas de madeira de acacia. [16]A longura dunha táboa será de dez cóbados e o ancho de un e medio. [17]Cada táboa rematará en dous espigos, para ensamblar unhas nas outras. E o mesmo todas as táboas. [18]Unha vez feitas as táboas para o tabernáculo, porás vinte do lado que mira cara ao sur. [19]Farás corenta bases de prata e poralas, dúas a dúas, debaixo das vinte táboas, unha por cada espigo. [20]Polo outro lado do tabernáculo, ao norte, porás outras vinte táboas, [21]coas correspondentes corenta bases de prata, dúas debaixo de cada táboa. [22]Polo lado posterior do tabernáculo, ao ocaso, colocarás seis táboas, [23]con dúas máis para os dous cantos. [24]Estas encaixarán de abaixo para arriba; as dúas táboas farán os dous cantos. [25]Serán, pois, oito táboas, con dezaseis bases de prata, dúas por cada táboa. [26]Farás tamén traveseiros de madeira de acacia, cinco para cruzar as táboas dun lado do tabernáculo, [27]cinco para as do outro e cinco para as do ocaso. [28]O traveseiro que pasará polo medio das táboas irá dun cabo ao outro. [29]Recubrirás de ouro as táboas e os traveseiros, e de ouro serán tamén as argolas, polas que pasarán os traveseiros. [30]Construirás o tabernáculo conforme ao modelo que eu che mostrei na montaña.

### O veo e a cortina

[31]Farás un veo de púrpura violácea, escarlata e carmesí, de liño fino torcido, con querubíns bordados. [32]Pendurarálo de catro columnas de madeira de acacia, recubertas de ouro, con ganchos de ouro e catro bases de prata. [33]Pendurarás o veo de cravos. Dentro porás a Arca da Alianza. O veo separará o lugar santo do santísimo. [34]Porás o propiciatorio encima da Arca da Alianza, no santísimo. [35]Por fóra do veo, do lado norte, colocarás a mesa; e enfronte da mesa, do lado sur do santuario, o candelabro. [36]Para a entrada da tenda farás unha cortina, de púrpura violácea, escarlata e carmesí, de liño fino torcido e bordada. [37]Para a cortina farás cinco columnas de madeira de acacia, recubertas de ouro, con cinco ganchos de ouro; para as columnas fundirás cinco bases de bronce.

### O altar dos holocaustos

**27** [1]Farás o altar de madeira de acacia,
cadrado, de cinco cóbados de longo,

**26** *O tabernáculo* ou morada é unha transposición imaxinaria do templo de Salomón ás condicións e ao tempo do deserto. Tiña, coma o templo, dúas partes e mais o adro, e podíase desmontar (Éx **26**, 33; **27**, 9). O seu correspondente nas versións iavista e elohista era a Tenda do Encontro (Éx **33**, 7-11).

cinco de ancho e tres de alto. [2]Nos catro ángulos faraslle saíntes coma cornos, que revestirás de bronce. [3]Para o altar farás, sempre de bronce, caldeiros para a cinsa, paletas, aspersorios, tenaces e braseiros. [4]Dotarás ao altar dun enreixado, feito de bronce e en forma de rede. Nos catro cantos levará catro argolas de bronce. [5]Porás o enreixado debaixo do reborde saínte do altar, desde a media altura ata o chan. [6]Farás aínda para o altar varais de madeira de acacia, recubertos de bronce; [7]meteralos polas argolas dos costados, para podelo transportar. [8]O altar faralo oco e de táboas, conforme ao modelo que che mostrei na montaña.

### O adro

[9]Co tabernáculo farás tamén o adro. Polo lado sur porasIle cortinas de liño fino torcido, cunha lonxitude de cen cóbados por lado. [10]As súas vinte columnas estarán asentadas en vinte bases de bronce. Os ganchos e as argolas das columnas serán feitos de prata. [11]Do mesmo xeito, polo norte, o adro levará unha cortina de cen cóbados de longa, vinte columnas asentadas en vinte bases de bronce, con alcaiatas e argolas de prata. [12]Ao ancho, polo ocaso, o adro levará unha cortina de cincuenta cóbados de longa, e dez columnas con outras tantas bases. [13]Ao ancho, polo nacente, a cortina terá tamén cincuenta cóbados. [14]A un lado da porta irán quince cóbados de cortina, con tres columnas e as súas bases. [15]Do lado oposto, a mesma cousa. [16]Para a porta do adro farás unha cortina de vinte cóbados, de púrpura violácea, escarlata e carmesí, de liño fino torcido e bordada; levará catro columnas coas súas bases. [17]Todas as columnas ao redor do adro levarán aneis de prata, con ganchos de prata e con bases de bronce. [18]O adro terá cen cóbados de longo, cincuenta de ancho e cinco de alto. Será de liño fino torcido, coas bases de bronce. [19]Todos os utensilios para calquera dos servizos do tabernáculo, as súas estacas e as do adro, serán todos de bronce.

### O aceite da lámpada

[20]Ordénalles aos israelitas que che traian aceite puro de oliva, para manter a lámpada acesa. [21]Aharón e os seus fillos colocarana na Tenda do Encontro, por fóra do veo que tapa o testemuño, para que arda diante do Señor, desde a noite á mañá. Esta é lei perpetua para todas as xeracións de Israel.

### As roupas dos sacerdotes

**28** [1]Manda vir onda ti a teu irmán Aharón e a seus fillos Nadab, Abihú, Elazar e Itamar. De entre todos os israelitas serán eles os meus sacerdotes. [2]A teu irmán Aharón faraslle vestes sacras, que lle dean honor e maxestade. [3]Ordena a artesáns destros, dotados de espírito de sabedoría, que preparen as roupas coas que Aharón será consagrado sacerdote. [4]Deberanlle facer estes ornamentos: o peitoral, o *efod*, o manto, a túnica bordada, a mitra e a faixa. Para faceren as vestes sacras para o sacerdocio do teu irmán Aharón e dos seus fillos [5]serviranse de ouro, de púrpura violácea, escarlata e carmesí e de liño fino.

### O *efod*

[6]O *efod* faralo de ouro, de púrpura violácea, escarlata e carmesí e de liño fino torcido e bordado. [7]Levará dúas ombreiras, unha por cada lado, que servirán para atalo. [8]Terá para cinguilo un cíngulo, que será da súa mesma feitura: de ouro, de púrpura violácea, escarlata e carmesí e de liño fino torcido. [9]Collerás dúas pedras de ónix e gravarás nelas os nomes das tribos de Israel, [10]seis nomes nunha pedra e seis na outra, por orde de nacemento. [11]Farás gravar os nomes das tribos de Israel nas dúas pedras, engastadas en ouro, como fan os ourives gravadores de selos. [12]Despois porás as dúas pedras nas ombreiras do efod, para lembranza das tribos de Israel. Aharón levará sobre os ombreiros os nomes dos israelitas, para lembranza diante do Señor. [13]Faraslles engastes de ouro [14]e dúas cadeíñas de ouro puro, trenzadas coma un cordón, e poralas trenzadas nos engastes.

### O peitoral

[15]Farás o peitoral das sortes, traballado con arte, da mesma feitura do *efod*, de ouro, de púrpura violácea, escarlata e carmesí e de liño fino torcido. [16]Será cadrado, dobre,

**27**, 2 *Os saíntes* ou cornos do altar eran parte moi sagrada do mesmo (**29**, 12). O perseguido buscaba asilo neles (1 Re **1**, 50; **2**, 28).
**27**, 9 *O adro* é concibido como o adro do templo, onde se xuntaba o pobo (1 Re **6**, 36; Ez **40**, 17ss; Feit **21**, 27-30).

**28** O capítulo fala sobre todo das vestes do sumo sacerdote; moitas destas miudezas non nos din nada hoxe, nin é doado reconstruír todo exactamente; non sabemos, por exemplo, como era o *efod* (Lev **8-10**).

un palmo de longo e un de ancho. [17]Levará engastadas catro ringleiras de pedras. Na primeira unha sardónix, un topacio e unha esmeralda; [18]na segunda un rubí, un zafiro e un xaspe; [19]na terceira un ópalo, unha ágata e unha ametista; [20]e na cuarta un crisólito, un ónix e un berilo. Estarán todas nas súas ringleiras, engastadas en ouro. [21]As pedras corresponden aos nomes das tribos de Israel, doce pedras por doce nomes. Cada unha levará gravado un nome, coma un selo; e así as doce tribos cos seus nomes.

[22]Farás para o peitoral cadeíñas de ouro puro, trenzadas coma un cordón, [23]e dous aneis de ouro, que lle porás ao peitoral nos seus dous cabos. [24]Pasarás as dúas cadeíñas de ouro polos aneis dos dous cabos do peitoral, [25]e as puntas das cadeíñas fixaralas nos engastes, collidos no lado dianteiro das ombreiras do *efod*. [26]Farás outros dous aneis de ouro e poralos nos dous cabos da parte baixa do peitoral, polo lado de dentro, de cara ao *efod*. [27]E dous aneis máis que farás aínda, fixaralos nas dúas ombreiras do *efod*, na súa parte baixa dianteira, onda a xuntura, por enriba do cíngulo do *efod*. [28]Os aneis do peitoral ligaranse cos do *efod* cun cordón de púrpura violácea, de xeito que o peitoral quede por riba do cíngulo do *efod* e non se solte del. [29]Dese xeito Aharón levará os nomes das tribos de Israel no peitoral das sortes, sempre que entre no santuario, para lembranza perpetua diante do Señor. [30]No peitoral das sortes porá os *urim* e os *tummim*, e así irán sobre o corazón de Aharón, sempre que este entre onda o Señor, Aharón levará sempre sobre o corazón, na presenza do Señor, as sortes de Israel.

### O manto

[31]Farás tamén tecer o manto do *efod*, todo de púrpura violácea. [32]No medio, por enriba, levará unha abertura, cunha orla de reforzo ao arredor, coma unha cota, para que non esgace. [33]No bordo baixo, ao redor, poraslle milgrandas de púrpura violácea, escarlata e carmesí, e, mesturadas con elas, campaíñas de ouro. [34]As milgrandas e as campaíñas alternaranse por todo o arredor. [35]Aharón vestirá este manto cando faga o servizo, de xeito que se sinta o tintinar cando entre no santuario, na presenza de Deus, e tamén cando saia. Así non morrerá.

### O diadema

[36]Farás unha flor de ouro puro e gravarás nela, como se grava un selo: "Consagrado ao Señor". [37]Cun cordón de púrpura violácea suxeitarás a flor na cara dianteira da tiara. [38]Porala na testa de Aharón, que cargará coas culpas dos israelitas, cando estes ofrezan as súas ofrendas sacras. Aharón levará a flor sempre na fronte, para reconcilialos co Señor.

### Outros vestidos

[39]A túnica farala de liño; e o mesmo a tiara e mais o cíngulo; será todo bordado. [40]Aos fillos de Aharón faraslles tamén túnicas, cíngulos e tiaras, que lles dean honor e maxestade. [41]Así é como vestirás a teu irmán Aharón e a seus fillos. Unxiralos e consagraralos, para que me sirvan como sacerdotes. [42]Faraslles calzóns de liño, que lles cubran cadrís e coxas, que lles tapen as partes. [43]Aharón e os seus fillos levaranos cando entren na Tenda do Encontro e cando se acerquen ao altar para o servizo do santuario, para que non cometan falta e morran. Esta será lei perpetua para Aharón e para seus fillos.

### Consagración dos sacerdotes

**29** [1]Este é o rito da consagración dos sacerdotes. Colle do gando un xovenco e dous carneiros sen defecto. [2]Colle tamén pan ácimo, bicas ácimas amasadas con aceite, filloas tamén ácimas untadas con aceite, todo feito con flor de fariña de trigo. [3]Porás todo nunha cesta e ofrecerasmo nela, co xovenco e cos dous carneiros. [4]Mandarás a Aharón e a seus fillos acercarse á porta da Tenda do Encontro e bañarse con auga. [5]Despois collerás as roupas e vestiraslle a Aharón a túnica, o manto do *efod*, o *efod* e o peitoral, e cinguiralo co cíngulo do *efod*. [6]Poraslle na cabeza a tiara, e por riba o sagrado diadema. [7]Despois collerás o óleo da unción, verteraslo na cabeza, e quedará unxido. [8]Logo farás que se acerquen os seus fillos, vestiraslles as túnicas, [9]cinguiraslles o cíngulo. O mesmo a Aharón coma a eles poraslles as súas mitras. O sacerdocio será a súa propiedade para sempre. Así é como investirás a Aharón e a seus fillos.

### Ofrenda

[10]Farás traer o xovenco diante da Tenda do Encontro, e Aharón e os seus fillos poranlle

**29** Normas para o rito da consagración dos sacerdotes (Lev **8**). Percorre todos os pasos que se han dar: purificacións, ofrendas, investidura, comida sagrada.

as mans na cabeza. [11]Logo degolaralo diante do Señor, á entrada da Tenda do Encontro. [12]Collerás un pouco do seu sangue e mollarás cos dedos os cornos do altar. O resto do sangue verteralo ao pé do altar. [13]Sacaraslle o sebo que envolve as entrañas, o que cobre o fígado, os dous riles co sebo que os envolve, e queimaralo todo no altar. [14]A carne do xovenco, a súa pel e as súas tripas, queimaralas no lume, fóra do campamento, como sacrificio polo pecado.

[15]Despois collerás un dos carneiros e Aharón e os seus fillos imporán as mans na súa cabeza. [16]Deseguido, degolaralo, tomarás o seu sangue e esparexerás con el o altar ao redor. [17]Porás o carneiro en anacos, lavarás as súas entrañas e as súas patas, poralas cos anacos de carne e coa cabeza [18]e queimarás o carneiro todo encima do altar. É un holocausto para o Señor, un sacrificio recendente que lle prace.

[19]Collerás despois o outro carneiro e Aharón e os seus fillos imporanlle as mans na cabeza. [20]Degolarás o carneiro, collerás do seu sangue e mollarás con el o lóbulo da orella dereita de Aharón e os das orellas dos seus fillos e tamén os polgares das súas mans e as dedas dos seus pés dereitos, e despois verterás o sangue ao redor do altar.

[21]Tomarás do sangue que hai enriba do altar e do óleo da unción e asperxerás a Aharón e os seus vestidos, e aos fillos de Aharón e os seus vestidos. Dese xeito, tanto eles coma os seus vestidos quedarán consagrados. [22]Do carneiro collerás logo o sebo, o rabo, o sebo que cobre as entrañas, o lóbulo do fígado, os dous riles co sebo que os envolve e a perna dereita, porque este é o carneiro da investidura. [23]Da cesta dos ácimos presentados ao Señor collerás unha bola, unha bica amasada con aceite e unha filloa. [24]Porás todo nas mans de Aharón e dos seus fillos e abalaralos ritualmente diante do Señor. [25]Collerás todo outra vez das súas mans e queimaralo no altar como holocausto, como recendo que prace ao Señor. É un sacrificio no seu honor.

[26]Despois collerás o peito do carneiro da investidura de Aharón e abalaralo ritualmente diante do Señor. Esa será a túa ración. [27]Do carneiro da investidura de Aharón e dos seus fillos consagrarás o peito que foi abalado e mais a perna ofrecida. [28]Esta será, por lei perpetua, a ración de Aharón e dos seus fillos, de parte dos israelitas. É a ofrenda que os israelitas ofreceron ao Señor en sacrificio de comuñón.

[29]As vestiduras sacras de Aharón herdaranas seus fillos, para cando eles sexan unxidos e reciban a investidura. [30]O fillo que lle suceda no sacerdocio vestiraas sete días, cando entre na Tenda do Encontro para servir no santuario.

### Banquete sagrado

[31]Collerás o carneiro da investidura, cocerás a súa carne no lugar santo [32]e Aharón e os seus fillos comerano, co pan que hai na cesta, á entrada da Tenda do Encontro. [33]Comerán a parte coa que se fixo a expiación na súa investidura e na súa consagración. Non comerá dela un alleo, porque é ración sagrada. [34]Se da carne da investidura ou do pan quedase algo para o día seguinte, queimarase no lume. Ninguén comerá esas sobras, porque son cousa santa.

### Expiación polo altar

[35]Isto é o que farás con Aharón e cos seus fillos, conforme che teño mandado. A investidura require sete días. [36]Cada día ofrecerás en sacrificio un xovenco para expiación polo pecado. Ofreceralo encima do altar para expiar por el, e despois unxiralo para a súa consagración. [37]Durante sete días expiarás polo altar e despois consagraralo. O altar será santísimo; calquera cousa que o toque quedará consagrada.

### O sacrificio perpetuo

[38]Isto é o que ofrecerás sobre o altar todos os días: dous cordeiros dun ano, [39]un á mañá e outro á tarde. [40]Co primeiro ofrecerás un décimo de flor de fariña, amasada coa cuarta parte dun *hin* de aceite de oliva, e unha libación de viño. [41]Co segundo cordeiro, o da tarde, farás, coma á mañá, unha ofrenda e unha libación: ofrenda recendente que prace ao Señor. [42]Este será o holocausto perpetuo ao Señor, polas xeracións, á entrada da Tenda do Encontro, onde me encontrarei convosco e onde vos falarei. [43]Alí virei eu ao encontro de Israel e o lugar quedará consagrado pola miña presenza gloriosa. [44]Consagrarei a Tenda do Encontro e mais o altar, consagrarei a Aharón e a seus fillos como sacerdotes meus.

**29**, 40 *Un décimo (de efah)*, é dicir uns 4,5 litros. *Hin*, medida de líquidos duns 7,5 l.

45Habitarei no medio de Israel e serei o seu
Deus. 46E eles recoñecerán que eu son o Se-
ñor, o seu Deus, que os saquei de Exipto e
que habito no medio deles. Eu o Señor, o seu
Deus.

### O altar do incenso

**30** 1Farás un altar de madeira de acacia,
para queimar nel o incenso. 2Faralo
cadrado, dun cóbado de longo, un de ancho e
dous de alto, con cornos saíntes nos ángulos.
3Revestiralo de ouro puro, por enriba, polos
lados e nos cornos; porasIle unha cinta de
ouro ao redor. 4Debaixo da cinta, nos dous
flancos, porasIle dúas argolas de ouro, para
meter os dous varais con que podelo trans-
portar. 5Os varais serán de madeira de acacia,
revestidos de ouro. 6Colocarás o altar diante
do veo que tapa a Arca da Alianza, diante do
propiciatorio que cobre o testemuño, onde eu
virei ao teu encontro. 7Aharón queimará nel
incenso recendente, ao tempo de axeitar cada
mañá as lámpadas 8e cando as acenda pola
tarde. Será incenso perpetuo diante do Señor,
polas xeracións. 9Non ofreceredes nel incen-
so prohibido, nin holocaustos, nin ofrendas,
nin verteredes libacións. 10Aharón fará por el
a expiación, unxindo unha vez no ano os seus
cornos co sangue do sacrificio polo pecado;
así polas xeracións. O altar está consagrado
ao Señor.

### Prezo do rescate

11O Señor díxolle a Moisés: 12–Cando con-
tes os israelitas para facer o seu censo, cada
persoa pagará ao Señor un rescate pola súa
vida; así non sufrirán praga ningunha, ao
seren rexistrados. 13Cada persoa rexistrada
pagará medio siclo, segundo o peso do siclo
do santuario que é de vinte óbolos; medio si-
clo será o voso tributo para o Señor. 14Cada
persoa rexistrada, de vinte anos para arriba,
pagará este tributo ao Señor. 15Nin o rico dará
máis nin o pobre dará menos da metade dun
siclo, como tributo ao Señor polo rescate das
súas vidas. 16Recollerás o diñeiro do rescate
dos israelitas e dedicaralo ao servizo da Ten-
da do Encontro. Servirá para memorial dian-
te do Señor de que os israelitas rescataron as
súas vidas.

### A pía de bronce

17O Señor díxolle a Moisés: 18–Farás unha
pía de bronce, coa base tamén de bronce,
para as ablucións. Porala entre a Tenda do
Encontro e o altar e botarás auga nela. 19Aha-
rón e seus fillos lavarán nela as mans e mais
os pés. 20Cando entren na Tenda do Encontro,
lavaranse con auga e así non morrerán. E o
mesmo cando se acheguen ao altar para ofi-
ciar ou para queimar unha ofrenda ao Señor.
21Lavarán as mans e os pés e así non morre-
rán. Esta é lei perpetua para eles e para os
seus descendentes, polas xeracións.

### O óleo da unción

22O Señor díxolle a Moisés: 23–Procúrate
aromas da mellor calidade: cincocentos si-
clos de mirra virxe, douscentos cincuenta de
cinamomo recendente e douscentos cincuen-
ta de canela, 24cincocentos siclos de casia, en
peso do santuario, e sete litros de aceite de
oliveira. 25Con todo iso farás o óleo da un-
ción santa, un perfume recendente, coma o
que fan os perfumistas. Será o óleo da unción
santa. 26Con el unxirás a Tenda do Encontro e
a Arca da Alianza, 27a mesa cos seus recipien-
tes, o candelabro cos seus trebellos, o altar do
incenso, 28o altar dos holocaustos con todos
os seus utensilios e a pía coa súa base. 29Con-
sagrarás estas cousas todas, para que sexan
santísimas: calquera que as toque quedará ta-
mén santificado. 30Unxirás a Aharón e a seus
fillos, para que me queden consagrados na
función de sacerdotes.

31Diraslles aos israelitas: "Este será o meu
óleo santo da unción polas xeracións". 32Non
poderedes unxir con el ningunha outra per-
soa. Nin faredes un preparado coma este. Foi
consagrado e será santo para vós. 33Calquera
que prepare outro óleo coma este e unxa con
el un profano, será excluído do pobo.

### O incenso

34O Señor díxolle a Moisés: –Procura es-
tes aromas: ámbar, uña recendente, gálbano
e incenso puro, todo nas mesmas cantidades.
35Con todo iso prepara o incenso, conforme á
arte dos perfumistas, mesturado con sal, puro
e santo. 36Despois moerás un pouco, ata con-
vertelo en po, e porás unha parte del diante
da Arca, na Tenda do Encontro, na que eu
virei onda ti. Terédelo por cousa santa. 37Para
os vosos usos non faredes incenso composto
conforme a esa receita. Ese terédelo por cou-
sa consagrada ao Señor. 38O que faga para o
seu uso un aroma coma ese, será excluído do
pobo.

**30-31** Normas complementarias das disposicións xa refe-
ridas nos capítulos **25-27**.

**30**, 13 *Siclo*: "Xéquel", medida que pesaba uns 11,4 g.
Parece que o do templo pesaba o dobre.

### Os artífices do santuario

**31** [1]O Señor díxolle a Moisés: [2]–Ves que
chamei polo seu nome a Besalel, fillo
de Urí, fillo de Hur, da tribo de Xudá, [3]e que
o enchín do espírito de Deus, de sabedoría,
de intelixencia e de habilidade para calquera
labor: [4]para concibir proxectos, para labrar o
ouro, a prata e o bronce, [5]para tallar pedras e
engastalas, para tallar madeiras e facer cal-
quera obra. [6]Ves tamén que lle dei por axu-
dante a Oholiab, fillo de Ahisamac, da tribo
de Dan. A todos os homes capaces deilles
habilidade, para que poidan facer todo can-
to che mandei: [7]a Tenda do Encontro, a Arca
da Alianza co propiciatorio que está por riba
dela, e os utensilios todos da tenda, [8]a mesa
cos seus accesorios, o candelabro de ouro cos
seus trebellos, o altar do incenso, [9]o altar dos
holocaustos con todos os seus utensilios e a
pía coa súa base, [10]as vestiduras sacras do sa-
cerdote Aharón e de seus fillos, cando serven
no santuario, [11]o óleo da unción, o incenso
recendente para o santuario. Farán todas esas
cousas conforme eu che mandei.

### O descanso do sábado

[12]O Señor díxolle a Moisés: [13]–Dilles aos
israelitas: "Gardaredes o meu sábado, porque
o sábado é o sinal entre min e vós, dunhas a
outras xeracións, polo que coñeceredes que
eu son o Señor que vos consagro". [14]Garda-
redes o sábado, que será día santo para vós.
O que o profane será reo de morte; o que tra-
balle nese día será excluído do pobo. [15]Seis
días traballarás, pero o sétimo, sábado, é día
de lecer, consagrado ao Señor. O que traba-
lle en día de sábado será reo de morte. [16]Os
israelitas gardarán o día do sábado, celebra-
rano polas xeracións, cumprindo un pacto
perpetuo. [17]Será sinal duradeiro entre min e
os israelitas, pois en seis días fixo o Señor o
ceo e a terra e o sétimo descansou.

[18]Cando o Señor rematou de falar con
Moisés no monte Sinaí, entregoulle as dúas
táboas da alianza, táboas de pedra escritas
polo dedo de Deus.

### O becerro de ouro

**32** [1]Vendo o pobo que Moisés se demoraba
en baixar da montaña, xuntouse ao re-
dor de Aharón e díxolle: –Anda, fainos un
deus que vaia diante de nós, pois ese Moisés,
o home que nos sacou de Exipto, non sabe-
mos que foi del.

[2]Respondeulles Aharón: –Collede das vo-
sas mulleres e dos vosos fillos e fillas os pen-
dentes de ouro que levan nas orellas e traé-
demos.

[3]Todo o mundo quitou os pendentes de
ouro das orellas e tróuxollos a Aharón. [4]El
recibiunos das súas mans e fixo do metal fun-
dido un becerro, modelado a cicel. O pobo
exclamaba diante del: –Este é o teu Deus,
Israel, que te sacou de Exipto.

[5]En vendo isto Aharón, construíu un altar
diante do becerro. E proclamou: –Mañá será
festa en honor do Señor.

[6]Á mañá seguinte o pobo ergueuse cedo;
ofreceron holocaustos e sacrificios de co-
muñón, sentaron todos a comer e a beber e
logo puxéronse a danzar. [7]O Señor díxolle a
Moisés: –Anda, baixa da montaña, porque o

**31**, 12ss Esta recomendación urxente sobre a garda do sábado (Éx **20**, 8-11) non ten relación co anterior.

**31**, 18 Este encadramento narrativo cerra todo o conxunto de leis sacerdotais e remite ao final de Éx **24**. A ausencia de Moisés pon ao pobo no perigo de caer na apostasía, que refiren os capítulos que seguen.

**32-34** No medio dunha longa secuencia de leis sacerdotais sobre o santuario e o sacerdocio atópase este relato das tradicións iavista e elohista sobre o renovación da alianza. O capítulo **32** presenta ao pobo que concluíu a alianza primeira ofrecendo a Deus un culto indebido, que a historia xulga idolátrico. O feito supón unha ruptura da alianza, significada polo xesto de Moisés de romper as táboas da lei. Todo iso conduce ao renovación da alianza, que constitúe o cume do relato, no capítulo **34**. Este era a versión iavista da primitiva alianza sinaítica. Ao atoparse neste contexto, deixa de ser un duplicado da versión elohista, en Éx **24**. Este artificio literario e histórico xustifícase polo feito de que a alianza non foi só un acontecemento dunha vez, senón un acto litúrxico, que se renovaba cada pouco.

**32** O episodio recolle unha forma de culto a Iavé, ben coñecida en Israel desde a súa separación do reino da casa de David, con Ieroboam I (1 Re **12**, 26-30). Segundo a versión do capítulo, este sería o pecado "orixinal" de Israel, que con iso rompería a alianza do Sinaí: deu culto a Iavé representado por un touro, o símbolo cananeo da fertilidade e da forza. É certo que ese símbolo podía crear confusión, dando pé para igualar a Iavé cos deuses cananeos. Pero de feito o touro non tentaba ser unha imaxe de Iavé, senón un trono ou un asento, coma os querubíns enriba da Arca, ou cando máis un símbolo dalgunhas das súas propiedades.

**32**, 1 O pobo non atura moito tempo o silencio de Deus ou a carencia da súa imaxe. A demora de Moisés no cume da montaña deixouno só, sen sinal carismático (Éx **24**, 12-18), e entón o pobo acudiu a Aharón, para que lles fixese unha imaxe que se vise.

**32**, 4 O relato é polémico contra unha forma de culto, que se acabou por ver como idolátrica. Pero o Deus que Israel tenta venerar desa maneira é o mesmo Iavé que o salvou da servidume (1 Re **12**, 28; Sal **106**, 19s).

**32**, 7 O autor do relato pon ironía nas palabras de Iavé a Moisés: ese pobo non sería o pobo de Deus, senón o pobo de Moisés, o que Moisés sacou de Exipto.

teu pobo, o que sacaches de Exipto, perverteuse. [8]Desviáronse axiña do camiño que eu lles indicara. Fixéronse un becerro de metal, próstranse diante del, ofrécenlle sacrificios e pregoan: "Este é o teu Deus, Israel, o que te sacou de Exipto". [9]E díxolle o Señor aínda a Moisés: –Vexo que este pobo ten a cerviz dura. [10]Deixa, pois, que agora se acenda a miña ira contra eles e os consuma. Pero a ti convertereite nun gran pobo.

### Intercesión de Moisés

[11]Entón rogou Moisés ante o Señor, o seu Deus: –Por que, Señor, se ten que acender a túa ira contra o teu pobo, que con moito poder e con man rexa sacaches de Exipto? [12]Por que haberían dicir os exipcios: "Sacounos arteiramente, para matalos nas montañas e varrelos da face da terra?". Vólvete atrás do teu anoxo e renuncia ao castigo que pensaches contra o teu pobo. [13]Lembra os teus servos Abraham, Isaac e Israel, aos que con xuramento prometiches: "Multiplicarei os vosos descendentes coma as estrelas do ceo, e dareilles este país do que vos teño falado, para que o herden a perpetuidade".

[14]E o Señor renunciou ao castigo co que ameazara ao seu pobo.

### As táboas da lei rotas

[15]Moisés baixou do monte coas dúas táboas da alianza na súa man. Estaban escritas polos dous lados, [16]e eran obra de Deus: o gravado nas táboas era escritura de Deus. [17]En oíndo Xosué a algueirada do pobo, díxolle a Moisés: –Óense berros de loita no campamento.

[18]Moisés respondeulle: –Non son aturuxos de vitoria, nin salaios de desfeita, senón que son cantos o que oio.

[19]Cando chegou ao campamento e viu o becerro e a danza, Moisés anoxouse moito, tirou as táboas da man e crebounas na aba da montaña. [20]Logo agarrou o becerro que fixeran, queimouno e moeuno, ata convertelo en po e fíxollelo beber aos israelitas. [21]Moisés díxolle a Aharón: –Que che fixo este pobo, para que deixases caer enriba del un pecado tan grave?

[22]Respondeulle Aharón: –Que non se anoxe o meu señor. Ti sabes que este pobo é inclinado ao mal. [23]Dixéronme: "Fainos un deus que nos conduza, pois ese Moisés, o home que nos sacou de Exipto, non sabemos que foi del". [24]Eu díxenlles: "Quen de entre vós ten ouro?". Eles recolleron ouro e trouxéronmo. E eu fundino e saíu este becerro.

[25]Vendo Moisés que o pobo estaba desbocado, pois deixárao desbocarse Aharón, expoñéndoo á risa dos inimigos, [26]púxose á entrada do campamento e berrou: –Comigo os que están polo Señor!

E foron con el todos os levitas. [27]El díxolles: –Isto manda o Señor, o Deus de Israel: Cinguide cada un a súa espada, ide e vide de porta en porta polo campamento e que cada un mate ao seu irmán, ao seu amigo, ao seu parente.

[28]Os levitas cumpriron o mandado de Moisés e aquel día caeron cerca de tres mil homes do pobo. [29]Díxolles Moisés: –Recibide hoxe a investidura do Señor. Cada un, a costa do fillo ou do irmán, hoxe merecestes a súa bendición.

[30]O día seguinte Moisés díxolle ao pobo: –Cometestes un grave pecado. Agora subirei onda o Señor, para ver se vos obteño o perdón.

[31]Volveu, pois, Moisés onda o Señor e dixo: –Recoñezo que este pobo cometeu un grave pecado, ao facerse un deus de ouro. [32]Pero rógoche que agora lle perdoes o pecado. E se non, táchame a min tamén do libro onde rexistras.

[33]O Señor respondeulle a Moisés: –Do meu rexistro tacharei ao que pecou. [34]Pero agora vai e leva o pobo a onde che mandei. O meu anxo irá diante de ti. O día da conta pedireille as contas do pecado.

[35]O Señor castigou ao pobo, por veneraren o becerro que lles fixo Aharón.

**32**, 9 *Ten a cerviz dura* é unha expresión feita para denunciar a infidelidade repetida de Israel (**33**, 3; **34**, 9; Dt **9**, 6.13; **31**, 27; 2 Re **17**,14; Xer **7**, 26).
**32**, 11 Moisés teima en manter que ese pobo non é seu, senón de Deus. Nas tradicións do deserto Moisés é máis ca nada intercesor (**5**, 22s; **32**, 30-32; Núm **11**, 2; **14**, 13-19).
**32**, 20 "Beber a propia culpa" e mais a conseguinte maldición (Núm **5**, 11ss). Versión semellante en Dt **9**, 21.
**32**, 23 Para desculparse el, Aharón bótalle ao pobo as culpas. Ben outra é a postura de Moisés, que non admite ser separado dos culpados (v. 32).
**32**, 25-29 Este feito dos levitas recórdase para ben en Dt **33**, 8-11; cf Núm **25**, 7-13. Dun xesto de fidelidade coma este, aínda que non saibamos como foi, parece que naceu a preferencia que a posteridade mostrou polos levitas para o sacerdocio. Aquí temos a lenda etiolóxica da orixe do sacerdocio dos levitas.
**32**, 32s Trátase do libro dos vivos; del son borrados os que deben morrer (Sal **69**, 29; **139**, 16).

### O anxo de Deus co pobo

**33** [1]O Señor díxolle a Moisés: –Anda, ti e o pobo que trouxeches de Exipto e sube de aquí cara á terra, da que eu xurei a Abraham, a Isaac e a Xacob: "Daréillela aos vosos descendentes". [2]Eu mandarei diante o meu anxo, expulsarei da terra os cananeos, os amorreos, os hititas, os pericitas, os hivitas e os iebuseos, [3]e vós entraredes nesa terra que zumega leite e mel. Eu non irei entre vós, cun pobo que ten a cabeza dura, non sexa que vos destrúa no camiño.

[4]Cando o pobo escoitou estas tan duras palabras, fixo loito, e ninguén puxo as súas galas.

[5]O Señor díxolle a Moisés: –Dilles aos israelitas: "Sodes un pobo de cabeza dura. Se por un momento subise entre vós, acabaría convosco. Agora tirade de enriba os atavíos que levades, e verei que fago convosco".

[6]Os israelitas desprendéronse das galas que levaban, desde o monte Horeb.

### A Tenda do Encontro

[7]Moisés levantou a Tenda e plantouna lonxe, fóra do campamento; e chamouna Tenda do Encontro. O que quería visitar o Señor, saía do campamento e ía fóra del, á Tenda do Encontro. [8]Cando Moisés saía cara á Tenda, a xente agardaba de pé, á entrada das súas tendas, ollando como Moisés entraba na Tenda do Encontro. [9]Cando Moisés entraba na Tenda, baixaba a columna de nube e pousábase na entrada, mentres Deus se comunicaba a Moisés. [10]O pobo todo podía ver a columna de nube pousarse na entrada da Tenda, e todos se erguían e se prostraban, cada un á porta da súa tenda. [11]O Señor falaba con Moisés cara a cara, coma un home co seu amigo. Despois Moisés volvía para o campamento; pero o seu servidor Xosué, fillo de Nun, non se ía da Tenda.

### Moisés pide a Deus que os acompañe

[12]Moisés díxolle ao Señor: –Ti mándasme conducir este pobo, pero non me indicaches aínda a quen mandas comigo, por máis que me teñas dito: "Coñézote polo nome e concédoche o meu favor". [13]Agora, pois, se merezo o teu favor, ensíname o teu camiño, para que eu te coñeza e faga por merecer o teu favor. Mira por esta xente que é o teu pobo.

[14]O Señor respondeulle: –Irei eu mesmo contigo e dareiche o repouso.

[15]Moisés insistiu: –Se non vés ti mesmo connosco, non nos fagas irnos de aquí, [16]pois como poderiamos saber, eu e mais este teu pobo, que contamos co teu favor, se non no feito de que veñas ti connosco? Entón avantaxariamos, eu e mais este teu pobo, a todos os pobos que hai sobre a terra.

[17]O Señor respondeulle a Moisés: –Concedereiche isto tamén, pois contas co meu favor e coñézote polo nome.

[18]Entón Moisés pediu: –Móstrame a túa gloria.

[19]O Señor respondeulle: –Farei pasar diante de ti todo o meu ben e pronunciarei diante de ti o nome do Señor, pois fago favores a quen quero e mostro misericordia con quen quero. [20]E engadiu: –Pero non poderás ver a miña cara, porque non pode verme un home e seguir vivindo. [21]E dixo aínda o Señor: –Aí tes un lugar cerca de min. Ponte de pé naquel penedo. [22]Cando a miña gloria pase, metereite nunha fenda e tapareite coa man, ata que eu teña pasado. [23]Cando retire a miña man, poderás verme polas costas, pero non poderás ver a miña cara.

### Renovación da alianza

**34** [1]O Señor díxolle a Moisés: –Labra dúas táboas de pedra, coma as primeiras. Eu escribirei nelas as palabras que había nas que rompiches. [2]Disponte para mañá. Sube

**33** Os temas heteroxéneos e independentes entre si deste capítulo concorren en debuxar e en poñer nomes a diversas maneiras da presenza de Deus no medio do seu pobo: o anxo, a tenda, a nube, a persoa do carismático, Deus mesmo. Vén de diversas tradicións.

**33**, 2 *O anxo* é presenza divina escondida; Deus aniquilaría ese pobo que ten cerviz dura (Éx **32**, 9), se fose El mesmo con el. Pero o anxo abriralle ao pobo o camiño, cando os camiñantes o emprendan (Núm **10**, 11s).

**33**, 7 *A Tenda* retrátase aquí, na versión das fontes antigas, como lugar de encontro, a onde Deus vén (no tabernáculo da tradición sacerdotal Deus está, Éx **25-26**); non hai levitas ao seu servizo, senón o leigo Xosué; máis ca lugar de culto, é lugar de oráculo.

**33**, 14 *O repouso* é un dos temas preferidos da teoloxía deuteronómica (Dt **12**, 10; **25**, 19; Xer **1**, 13). Se Deus acompaña ou non, verase no pobo mesmo: será o que o distinga de todos os outros pobos (v. 16).

**33**, 18 *A gloria* é Deus mesmo, na linguaxe da tradición sacerdotal (Éx **13**, 22; **24**, 16).

**33**, 20 O home mortal non ten capacidade para recibir a visión de Deus na súa condición; non podería aturala; morrería (Xén **32**, 30; Éx **19**, 21; Lev **16**, 2; Núm **4**, 20; Dt **4**, 33). Pero revelar o nome é xa deixarse ver, facer sentir a súa presenza (Éx **3**, 14; **33**, 19).

**33**, 21s Do mesmo xeito cando Elías foi ao Horeb (1 Re **19**, 9-13).

**34** Relato iavista da alianza, entendido como renovación da mesma, despois que fora rota (vv. 1-5. 9-28). Refírese ao dito en Éx **32**, 15-19 e ten o mellor paralelo en Éx **19-20** e **24**.

cedo ao monte Sinaí e agárdame alí, no cume da montaña. 3Que ninguén suba contigo; que non se vexa unha persoa en todo o monte; que non pazan preto del nin ovellas nin vacas.

4Moisés labrou dúas lousas de pedra, coma as primeiras. Ergueuse cedo e rubiu ao monte Sinaí, conforme lle mandara o Señor, levando consigo as dúas lousas de pedra. 5O Señor baixou na nube e parou alí con el. Moisés pronunciou o nome do Señor. 6O Señor pasou diante del proclamando: –O Señor, o Señor, Deus compasivo e benfeitor, tardo á ira, rico en amor e lealdade, 7que garda o seu amor ata a milésima xeración, que perdoa as culpas, os pecados e os erros, pero non declara inocente ao culpado, e castiga as culpas dos pais ata a terceira e a cuarta xeración.

8Moisés, ao tempo que se prostraba polo chan e adoraba, 9dixo: –Se merezo, Señor, o teu favor, pídoche que veñas ti connosco. Este pobo ten cabeza dura, pero ti perdoarás as nosas culpas e pecados e farás de nós a túa herdade.

10O Señor respondeulle: –Eu vou facer convosco unha alianza. A vista de todo o teu pobo farei marabillas que nunca se fixeron en ningún país nin nación. Todo o pobo que te rodea poderá ver os feitos do Señor, pois farei por medio de ti cousas marabillosas. 11Observa o que hoxe che mando. Eu botarei de diante de ti os amorreos, os cananeos, os hititas, os pericitas, os hivitas e os iebuseos. 12Gárdate de facer pactos cos moradores da terra na que entras, para que logo non teñas contigo unha trapela. 13Polo contrario, derrubarás os seus altares, crebarás as súas estelas, tronzarás as súas árbores sagradas.

### O decálogo cúltico

14Non adorarás deuses alleos, porque o Señor, que leva nome de "Celoso", éo de verdade. 15Non concertarás pactos cos moradores do país, non sexa que, despois de se prostituíren cos seus deuses e de lles ofreceren culto, te conviden a comer dos seus sacrificios e ti aceptes. 16Non tomes de entre as súas fillas mulleres para os teus fillos, non sexa que ao prostituírense elas cos seus deuses, leven á prostitución tamén aos teus fillos. 17Non te fagas imaxes de deuses.

18Garda a festa dos Ácimos. Sete días comerás pan sen levedar, como che mandei, pola festa do mes de *Abib*, pois no mes de *Abib* saíches de Exipto. 19Todos os primoxénitos son meus; e meus son tamén os primoxénitos machos do teu gando, das ovellas e das vacas. 20As primeiras crías de asna poderalas rescatar por unha ovella; pero, se non as rescatas, deberalas esnocar. Rescatarás os teus fillos primoxénitos. E non viredes onda min coas mans baldeiras.

21Seis días traballarás e o sétimo descansarás. Descansarás tanto na sementeira coma na recolleita. 22Celebrarás a festa das Semanas, ao comezo da sega do trigo, e a festa da Colleita, á fin do ano.

23Tres veces no ano presentaranse todos os homes diante do Señor, Deus de Israel. 24Cando eu expulse as nacións de diante ti e anchee as túas fronteiras, ninguén cobizará a túa terra, namentres sobes visitar o Señor o teu Deus, as tres veces no ano.

25Non ofrecerás pan lévedo co sangue do sacrificio. Do sacrificio da festa da Pascua non deixarás quedar nada para o día seguinte. 26Levarás á casa do Señor o teu Deus os primeiros froitos da túa terra. Non cocerás o cabrito no leite de súa nai.

### O mediador da alianza

27O Señor díxolle a Moisés: –Pon por escrito estas palabras, pois conforme a elas fago contigo e con Israel esta alianza.

28Moisés estivo alí co Señor corenta días e corenta noites. Nelas non comeu pan nin bebeu auga. E escribiu nas táboas as palabras da alianza, os dez mandamentos. 29Cando Moisés baixou do monte Sinaí, traendo

**34**, 6-8 Isto é un engadido, que emparenta con **33**, 19. Deus pronuncia o seu nome diante de Moisés (**3**, 14; **33**, 19).

**34**, 10ss Esta alianza non se fundamenta coma a dos vv. 19-20 en feitos que Deus fixo no pasado polo pobo, senón na promesa das obras que ha facer en adiante: abrir camiño ao seu pobo entre os pobos. Ao tempo, Deus esixe obediencia e fidelidade, como Deus único que é.

**34**, 14ss No lugar do Decálogo mosaico e do Código da Alianza da primeira alianza sinaítica, atopamos aquí o "Decálogo cúltico". O seu contido é todo de carácter relixioso. O número de dez mandamentos non é claro. Estes preceptos relixiosos teñen sentido no tempo da sedentarización de Israel, cando as crenzas e as prácticas cananeas supuñan para el verdadeira tentación. O rigor destes mandados, a garda dunhas festas, a peregrinación ao santuario central da confederación, tiñan que axudar a Israel a profesar a súa fe e a manter a súa identidade.

**34**, 28 Aquí é Moisés quen puxo por escrito os mandamentos; outras veces atribúeselle esa obra a Iavé (**34**, 1).

**34**, 29ss Moisés recibe o resplandor da gloria de Deus, cando está con El na montaña e cando Deus vén á Tenda do Encontro (**33**, 7-11). Con iso convértese en sinal da súa presenza (cf 2 Cor **3**, 7-**4**, 6).

consigo as dúas táboas da alianza, non sabía
que lle brillaba a pel do rostro, por conversar
co Señor. [30]Ao veren que a pel da cara lle
brillaba, Aharón e os israelitas tiñan medo
de aproximarse a Moisés. [31]Moisés chamou
por eles e entón Aharón e os xefes da comu-
nidade viñeron onda el. E Moisés conversou
con eles. [32]Despois acercáronse a el todos
os israelitas e Moisés deulles as ordes que
recibira do Señor no monte Sinaí. [33]Cando
acabou de falarlles, tapou a cara cun veo.
[34]Sempre que Moisés entraba onda o Señor
para falar con El, quitaba o veo, ata que vol-
vía saír. Cando saía, dáballes aos israelitas
as ordes do Señor. [35]Os israelitas podían ver
como lle brillaba a pel do rostro. Pero Moi-
sés tapábao co veo, ata que volvía outra vez
a falar con Deus.

### O sábado

**35** [1]Moisés reuniu a asemblea, para dicirlles
aos israelitas: –Estas son as ordes do
Señor: [2]Seis días traballaredes, pero o sétimo
será día santo, sábado de repouso, dedicado
ao Señor. O que traballe nese día será reo de
morte. [3]No sábado non acenderedes lume en
ningunha das vosas casas.

### Doazóns para o santuario

[4]Moisés comunicoulle á asemblea dos is-
raelitas: –Estas son as ordes do Señor: [5]Se-
parade dos vosos bens unha ofrenda para
o Señor. Cada un traerá xenerosamente en
ofrenda para o Señor ouro, prata ou bronce;
[6]púrpura violácea, escarlata e carmesí, liño
ou pelo de cabra; [7]peles de carneiro curtidas,
peles de teixugo ou madeira de acacia; [8]acei-
te para o candelabro, aromas para o óleo de
unción e para o incenso; [9]pedras de ónix ou
pedras de engaste para o *efod* e para o pei-
toral.

### As obras que hai que facer

[10]Cantos de entre vós teñan habilidade,
que veñan para facer o que ordenou o Señor:
[11]o tabernáculo coa súa Tenda, e coa súa cu-
berta, os broches, as táboas, as vigas, as co-
lumnas e as bases; [12]a arca cos seus varais, o
propiciatorio e o veo que o tapa; [13]a mesa cos
seus varais e cos seus accesorios, e os pans
presentados; [14]o candelabro para alumar, cos
seus trebellos, coas lámpadas e co aceite do
alumado; [15]o altar do incenso cos seus varais,
o óleo de unción, o incenso recendente, o veo
da entrada do tabernáculo; [16]o altar dos holo-
caustos, coa súa reixa de bronce, coas súas
vigas e con todos os seus utensilios, e a pía
coa súa base; [17]as cortinas do adro, coas súas
columnas e as súas bases, e o veo da entra-
da do adro; [18]as estacas do tabernáculo e do
adro, coas súas cordas; [19]as vestiduras tecidas
para o servizo do santuario e as vestiduras sa-
cras de oficiar do sacerdote Aharón e as dos
seus fillos.

### As doazóns

[20]A comunidade dos israelitas retirouse de
onda Moisés, [21]e todos os que con espírito
xeneroso así o decidiron trouxéronlle ao Se-
ñor a súa ofrenda para as obras da Tenda do
Encontro, para o culto e para as súas sagradas
vestiduras. [22]Chegaban homes e mulleres,
todos os que eran xenerosos, e traían bro-
ches, colares, aneis, torques e outros moitos
obxectos de ouro; cada un facía a súa ofren-
da de ouro ao Señor. [23]Os que tiñan púrpura
violácea, escarlata e carmesí, liño, pelo de
cabra, peles curtidas de carneiro ou peles de
teixugo, traían diso que tiñan. [24]Os que pre-
ferían ofrecer prata ou bronce, facían diso a
súa ofrenda ao Señor. Os que tiñan madeira
de acacia, traían a madeira para as variadas
obras do culto. [25]As mulleres, expertas na
arte de fiar, viñan cos seus fiados de púrpura
violácea, escarlata e carmesí, ou de liño fino.
[26]As que tiñan habilidade para isto e a vonta-
de de facelo traían pelos de cabra. [27]Os xefes
ofrecían pedras de ónix e pedras de engaste,
para o *efod* e para o peitoral; [28]e, por parte,
os aromas, o aceite para alumar, o óleo de
unción, o incenso recendente. [29]Todo home
e muller de espírito xeneroso para poñer a
súa parte na obra que o Señor ordenara facer
por medio de Moisés traía a súa ofrenda ao
Señor.

### Os artífices das obras

[30]Moisés díxolles aos israelitas: –Vedes
que o Señor escolleu a Besalel, fillo de Urí,
fillo de Hur, da tribo de Xudá, [31]e que o en-
cheu do espírito de Deus, de sabedoría, de
intelixencia e de habilidade para toda sorte

**34-40** Este bloque de capítulos, da tradición sacerdotal, dá conta de como se leva a cabo o mandado nos capítulos Éx **25-31** sobre o santuario e o sacerdocio. É case a repetición de todo aquilo. Pequenas seccións novas son a dos gastos das obras (Éx **38**, 28-31), a da presentación da obra feita a Moisés para que a aprobe (Éx **39**, 33-43) e pouco máis.

de labores: [32]para concibir proxectos, para labrar o ouro, a prata e o bronce, [33]para tallar pedras e engastalas, para tallar madeira e acabar calquera obra de arte. [34]Deulle tamén capacidade para dirixir, a el e a Oholiab, fillo de Ahisamac, da tribo de Dan. [35]Deus deulles moita habilidade para levaren a termo calquera sorte de traballo de arte, recamado de púrpura violácea, escarlata e carmesí, para proxectar e para realizar calquera obra.

### Os construtores

**36** [1]Besalel, Oholiab e todos os homes destros, aos que o Señor dera sabedoría e intelixencia para saberen facer a obras destinadas ao culto sagrado, puxéronse ao traballo conforme o mandara o Señor. [2]Moisés chamou a Besalel, a Oholiab e a todos os homes destros, aos que o Señor dera habilidade e a cantos estaban dispostos a pór a súa parte na realización das obras, [3]e entregoulles os materiais que os israelitas lle trouxeran como ofrenda para a obra do santuario que se había facer. Os israelitas seguían traendo máis ofrendas, unha mañá tras doutra. [4]Deixando o seu traballo respectivo na construción do santuario, viñeron os sabios artesáns [5]e dixéronlle a Moisés: –O pobo está traendo xa máis do que cómpre para facer as obras que mandou o Señor.

[6]Entón deu Moisés a orde de pregoar no campamento: –Que ningún home nin muller se esforce en traer máis ofrendas para as obras do santuario.

E o pobo deixou de traer. [7]O que trouxeran xa chegaba e sobraba para facer todas as obras.

### O tabernáculo

[8]Os máis destros dos artífices puxéronse a facer o tabernáculo, de dez lenzos de liño fino torcido, de púrpura violácea, escarlata e carmesí, con querubíns bordados. [9]Cada lenzo medía vinte e oito cóbados de longo por catro de ancho; eran todos da mesma medida. [10]Os lenzos empataban uns cos outros, en dúas series de cinco. [11]Fixeron logo presillas de púrpura violácea e puxéronos na orla do lenzo extremo dunha serie e despois no da outra. [12]Cincuenta presillas ían na orla dun lenzo e cincuenta na do outro, de xeito que se correspondían entre elas. [13]Fixeron tamén cincuenta broches de ouro e uniron con eles os lenzos entre si. Dese xeito o santuario formaba un conxunto.

[14]Teceron despois once lenzos de pelo de cabra, que servían de Tenda ao tabernáculo. [15]Cada lenzo medía trinta cóbados de longo e catro de ancho, todos da mesma medida. [16]Empataron nunha serie cinco lenzos e seis noutra, [17]e puxeron cincuenta presillas na orla de cada unha das dúas series de lenzos empatados. [18]Fundiron cincuenta broches de bronce para xuntar os lenzos da Tenda e que constituísen unha unidade.

[19]Fixeron para o tabernáculo unha cuberta de peles curtidas de carneiro, con outra cuberta por enriba de peles de teixugo. [20]Despois fixeron as táboas do tabernáculo de madeira de acacia, e puxéronas en pé. [21]Cada unha medía dez cóbados de longo e un e medio de ancho. [22]Cada táboa remataba en dous espigos, para encaixar unhas nas outras; as táboas eran iguais. [23]Logo distribuíron deste xeito as táboas do tabernáculo: vinte táboas polo lado sur, ao mediodía, [24]ás que puxeron debaixo corenta bases de prata, dúas por cada táboa ou unha por cada espigo. [25]No outro lado do tabernáculo, o que mira cara ao norte, puxeron outras vinte táboas, [26]coas súas corenta bases de prata, dúas debaixo de cada táboa. [27]Polo flanco do tabernáculo que mira cara ao mar puxeron seis táboas, [28]con dúas máis para que formasen os dous cantos. [29]Estas eran parellas por abaixo e encaixaban para arriba, ata a primeira argola. Dese xeito fixeron os dous cantos. [30]Eran, por xunto, oito táboas, con dezaseis bases de prata, dúas para cada táboa.

[31]Fixeron tamén os traveseiros, de madeira de acacia, cinco para as táboas dun flanco do tabernáculo, [32]cinco para as do outro e cinco para as do poñente. [33]Fixeron tamén o traveseiro que pasa polo medio das táboas, desde unha punta á outra. [34]As táboas revestíronas de ouro e o mesmo os traveseiros. Tamén eran de ouro as argolas polas que pasaban os traveseiros.

### O veo e a cortina

[35]Fixeron despois o veo, de púrpura violácea, escarlata e carmesí e de liño fino torcido, con querubíns bordados. [36]Para penduralo fixeron catro columnas de madeira de acacia, revestidas de ouro, con cáncamos tamén de ouro; para as columnas fundiron catro bases de prata.

[37]Para a entrada da Tenda fixeron unha cortina de púrpura violácea, escarlata e carmesí, de liño fino torcido e bordada. [38]Levaba cinco columnas que a sostiñan, provistas de cáncamos. Os seus capiteis e as súas molduras revestíronos de ouro e as súas bases de bronce.

### A Arca

**37** [1]Besalel construíu a Arca de madeira de acacia, de dous cóbados e medio de longo, un e medio de ancho e un e medio de alto. [2]Revestiuna de ouro puro por dentro e por fóra, e ao arredor púxolle unha cinta de ouro. [3]Fundiu catro argolas de ouro para os seus catro ángulos, dúas para un flanco e dúas para o outro. [4]Fixo varais de madeira de acacia e revestiunos de ouro. [5]Meteu os varais nas argolas, polos dous flancos da Arca, para podela transportar.

[6]Fixo despois o propiciatorio, de ouro puro, de dous cóbados e medio de longo e un e medio de ancho. [7]Cicelou dous querubíns de ouro e púxoos nos dous extremos do propiciatorio, [8]un en cada extremo, formando co propiciatorio un mesmo corpo. [9]Os querubíns despregaban as ás cara arriba, cubrindo o propiciatorio; miraban cara ao centro deste, un enfronte do outro.

### A mesa dos pans sagrados

[10]Fixo tamén unha mesa de madeira de acacia, de dous cóbados de longo, un de ancho e un e medio de alto. [11]Revestiuna de ouro puro e púxolle ao redor unha cinta de ouro. [12]Ao redor fíxolle un reborde dun palmo e púxolle tamén unha cinta de ouro. [13]Fundiu catro argolas de ouro e púxollas nos catro ángulos, unha por cada pé. [14]As argolas quedaban agarradas no bordo. Por elas meteu os varais para transportar a mesa. [15]Os varais fíxoos de madeira de acacia e revestiunos de ouro. [16]Fixo tamén de ouro puro os utensilios da mesa: pratos, cuncas, xerras e vasos para as libacións.

### O candelabro

[17]Fixo despois un candelabro de ouro puro. Traballouno a martelo, coa súa base e co seu fuste. Facían unha peza con el as súas copas, cálices e corolas. [18]Dos seus lados saían seis brazos, tres dun lado e tres do outro. [19]Cada brazo tiña tres copas, coma flores de améndoa, co seu cáliz e a súa corola; eran iguais os seis brazos que saían do candelabro. [20]No fuste do candelabro había catro copas, coma flores de améndoa, cada unha co seu cáliz e coa súa corola. [21]Debaixo de cada parella de brazos que saían do candelabro levaba un cáliz; era a mesma cousa cos seus brazos. [22]Os cálices e mais as corolas facían unha mesma peza e estaban cicelados en ouro puro. [23]Fixo tamén sete lámpadas, coas súas pinzas e cos seus cinseiros, todo de ouro puro. [24]Cun talento de ouro puro fixo o candelabro e todos os seus utensilios.

### O altar do incenso

[25]Fixo despois o altar do incenso de madeira de acacia. Era cadrado, dun cóbado de longo, un de ancho e dous de alto; das súas esquinas saían cornos. [26]Revestiuno de ouro puro por enriba, polos lados e nos cornos; púxolle ao redor unha cinta de ouro. [27]Nos dous lados, por baixo da cinta, púxolle dúas argolas de ouro, para meter nelas os varais e poder transportalo. [28]Os varais fíxoos de madeira de acacia e revestiunos de ouro. [29]Despois preparou o óleo da unción santa e o incenso puro de aromas, coma o que fan os perfumistas.

### O altar dos holocaustos

**38** [1]Fixo tamén o altar dos holocaustos de madeira de acacia, cadrado, de cinco cóbados de longo, cinco de ancho e tres de alto. [2]Nas catro esquinas fíxolle saíntes coma cornos e revestiunos de bronce. [3]Fixo logo os accesorios do altar, todos de bronce: caldeiros, paletas, aspersorios, tenaces e braseiros. [4]Ao altar fíxolle, de bronce, un enreixado da forma dunha rede, e púxollo por debaixo do bordo, desde a media altura ata o chan. [5]Para os catro ángulos do enreixado de bronce fundiu catro argolas, para meter por elas os varais. [6]Logo fixo os varais de madeira de acacia e recubriunos de bronce. [7]Meteunos polas argolas dos dous lados do altar, para transportalo con eles. O altar fíxoo oco e de táboas.

### A pía de bronce

[8]Cos espellos das mulleres que servían á entrada da Tenda do Encontro fixo a pía de bronce, coa base tamén de bronce.

### O adro

[9]Despois fixo o adro. Púxolle polo lado sur cortinas de liño fino torcido, dun longo de cen cóbados. [10]As súas vinte columnas coas súas vinte bases eran de bronce; os ganchos das columnas e as argolas eran de prata. [11]Polo lado norte púxolle cen cóbados de cortinas; as súas vinte columnas coas súas vinte bases eran de bronce; os ganchos das columnas e as argolas eran de prata. [12]Polo lado do poñente

**38**, 8 Os espellos eran de bronce brunido.

o adro levaba cincuenta cóbados de cortinas,
con dez columnas e dez bases e con ganchos
e argolas de prata. [13]Na parte dianteira, de
cara ao nacente, levantou cincuenta cóbados
de cortina. [14]Nun lado da porta ían quince
cóbados de cortina, con tres columnas e tres
bases. [15]Do lado oposto, a mesma cousa. [16]As
cortinas arredor do adro eran todas de liño
fino torcido. [17]As bases das columnas eran de
bronce, os ganchos e as argolas de prata, e
revestidos tamén de prata os capiteis. As co-
lumnas do adro levaban todas aneis de prata.
[18]A cortina da entrada do adro era bordada,
de púrpura violácea, escarlata e carmesí, e de
liño fino torcido; tiña vinte cóbados de longo
por cinco de alto, correspondía coa altura das
cortinas do adro. [19]As catro columnas das que
colgaba a cortina, coas súas bases, eran de
bronce, os cáncamos de prata, os capiteis e
as molduras recubertas tamén de prata. [20]As
estacas arredor do tabernáculo e do adro eran
todas de bronce.

### Os gastos das obras

[21]Estas son as contas da construción do
tabernáculo da alianza, segundo as fixeron
os levitas, por orde de Moisés, baixo a di-
rección de Itamar, fillo do sacerdote Aharón.
[22]Besalel, fillo de Urí, fillo de Hur, da tribo
de Xudá, fixo todo o que o Señor lle man-
dara a Moisés. [23]Axudoulle Oholiab, fillo de
Ahisamac, da tribo de Dan, artesán, escultor
e bordador de púrpura violácea, escarlata e
carmesí, e de liño fino.

[24]A suma do ouro empregado na construc-
ción do santuario, todo levado en ofrenda, foi
de vinte e nove talentos, con setecentos trinta
siclos, segundo o siclo do templo. [25]A prata
dos rexistrados no censo da comunidade su-
maba cen talentos, con mil setecentos setenta
e cinco siclos, segundo o siclo do templo.
[26]Correspondía a cada un dos censados, de
vinte anos para arriba, a cantidade de medio
siclo, segundo o siclo do templo. O total de
homes era de seiscentos tres mil cincocentos
cincuenta.

[27]Os cen talentos de prata empregáronse
en fundir as cen bases do santuario e do veo,
a talento por base. [28]Cos mil setecentos seten-
ta e cinco siclos fixéronse os ganchos para as
columnas, dotáronse as molduras e revestí-
ronse os capiteis.

[29]O bronce ofrecido foi de setenta talen-
tos, con dous mil catrocentos siclos. [30]Con
el fixéronse as bases da entrada da Tenda do
Encontro, o altar de bronce coa súa reixa e os
obxectos todos do altar, [31]as bases arredor do
adro e as da súa porta, e todas as estacas do
tabernáculo e do adro.

### As vestes dos sacerdotes

**39** [1]Con púrpura violácea, escarlata e car-
mesí e con liño fino fixeron as vesti-
duras sagradas para o servizo do santuario e
os ornamentos sacros de Aharón, como orde-
nara o Señor a Moisés.

### O *efod*

[2]O *efod* fixérono de ouro, de púrpura vio-
lácea, escarlata e carmesí e de liño fino torci-
do. [3]Puxeron o ouro en láminas, delas tiraron
fíos e con estes bordaron a púrpura violácea,
escarlata e carmesí e o liño fino torcido.
[4]Fixéronlle dúas ombreiras, unidas polos ca-
bos. [5]O cíngulo saía do *efod* e era da feitura
deste: de ouro, de púrpura violácea, escarlata
e carmesí e de liño fino torcido, como man-
dara o Señor a Moisés. [6]Prepararon pedras de
ónix, engastadas en ouro, e gravaron nelas, o
mesmo ca nun selo, os nomes das tribos de
Israel. [7]Colocáronas nas ombreiras do *efod*,
pois eran as pedras da lembranza das tribos
de Israel, como lle mandara o Señor a Moi-
sés.

### O peitoral

[8]Fixeron o peitoral, traballado con arte,
da mesma feitura do *efod*, de ouro, púrpura
violácea, escarlata e carmesí e de liño fino
torcido. [9]Era cadrado, dobre, un palmo de
longo e un de ancho. [10]Engastaron nel ca-
tro ringleiras de pedras. Na primeira unha
sardónix, un topacio e unha esmeralda; [11]na
segunda un rubí, un zafiro e un xaspe; [12]na
terceira un ópalo, unha ágata e unha ame-
tista; [13]e na cuarta un crisólito, un ónix e un
berilo. As pedras estaban todas engastadas
en ouro. [14]Correspondíanse cos nomes das
tribos de Israel, doce pedras para doce no-
mes. Cada pedra levaba gravado coma un
selo o nome dunha das doce tribos. [15]Para
o peitoral fixeron cadeíñas de ouro puro,
trenzadas coma un cordón. [16]Por parte pre-
pararon dous engastes de ouro e dous aneis
tamén de ouro. Os aneis fixáronos nos dous
cabos do peitoral. [17]Pasaron logo por eles
as dúas cadeíñas de ouro [18]e as dúas pun-
tas das cadeíñas fixáronas nos engastes que
ían collidos na dianteira das ombreiras do
*efod*. [19]Outros dous aneis que fixeron puxé-
ronos nos cabos da parte baixa do peitoral,
polo lado de dentro, de cara para o *efod*. [20]E
outros dous aneis máis fixáronos nas dúas
ombreiras do *efod*, na parte inferior diantei-

ra, onda a xuntura e por enriba do cíngulo do *efod*. [21]Cun cordón de púrpura violácea suxeitaron os aneis do peitoral cos do *efod*, de xeito que o peitoral quedase por riba do cíngulo do *efod* e non se soltase del, como mandara o Señor a Moisés.

**O manto**

[22]Teceron despois o manto do *efod*, todo de púrpura violácea. [23]No medio, por riba, levaba unha abertura, cunha orla arredor, coma unha cota, para que non se esgazase. [24]No bordo baixo, ao redor, puxéronlle milgrandas de púrpura violácea, escarlata e carmesí e de liño fino torcido. [25]Fixeron logo campaíñas de ouro puro e puxéronllas por entre as milgrandas, ao redor, [26]alternándose unhas coas outras. O manto era para oficiar, como ordenara o Señor a Moisés.

**Outras vestiduras**

[27]Para Aharón e para os seus fillos fixeron túnicas, [28]tiaras e mitras de liño fino con enfeites, e calzóns de liño fino torcido; [29]e, por parte, cíngulos de liño fino torcido, bordados, de púrpura violácea, escarlata e carmesí, como o Señor lle ordenara a Moisés.

**O diadema**

[30]Fixeron tamén de ouro puro a flor do sagrado diadema e gravaron nel, como se fai nun selo: "Consagrado ao Señor". [31]Cun cordón de púrpura violácea suxeitárona na dianteira da tiara, como o Señor mandara a Moisés.

**Moisés aproba as obras**

[32]Quedaron así acabados os traballos do tabernáculo e da Tenda do Encontro. Os israelitas fixeron todo como lles mandara Moisés.

[33]Entón presentáronlle a Moisés o tabernáculo e a Tenda, con todos os seus utensilios, os broches, as táboas, as trabes, as columnas e as bases; [34]a cuberta de pel curtida de carneiro, a cuberta de pel de teixugo, o veo de tapar a arca; [35]a Arca da Alianza, os seus varais e mais o propiciatorio; [36]a mesa cos seus accesorios e mais os pans presentados; [37]o candelabro de ouro puro coas súas lámpadas, cos seus trebellos e co aceite do alumado; [38]o altar de ouro, o óleo da unción, o incenso cos aromas, a cortina da entrada da Tenda; [39]o altar de bronce coa súa reixa de bronce, cos seus varais e outros trebellos, a pía co seu fuste; [40]a cortina do adro coas súas columnas e as súas bases, a cortina da entrada do adro coas súas cordas e as súas estacas, e todas as demais cousas para o servizo do tabernáculo e da Tenda do Encontro; [41]as vestiduras para o servizo do santuario e os sagrados ornamentos para oficiar o sacerdote Aharón e seus fillos.

[42]Os israelitas fixeron o traballo como o Señor lle ordenara a Moisés. [43]Moisés examinou todas as obras, e viu que estaban feitas conforme lle mandara o Señor. E deulles a súa bendición.

**Orde de instalar e de consagrar o santuario**

**40** [1]O Señor díxolle a Moisés: [2]–O día un do mes primeiro montarás o tabernáculo da Tenda do Encontro. [3]Dentro del porás a Arca da Alianza, que taparás co veo. [4]Meterás tamén a mesa e disporás o que hai que colocar enriba dela. Colocarás o candelabro e acenderás as súas lámpadas. [5]Porás o altar de ouro do incenso diante da Arca da Alianza e colgarás a cortina da entrada do tabernáculo. [6]Na entrada do tabernáculo da Tenda do Encontro porás o altar dos holocaustos. [7]Entre a Tenda do Encontro e o altar colocarás a pía e botarás auga nela. [8]Porás ao redor do adro as cortinas e a cortina da entrada do adro.

[9]Collerás logo o óleo da unción e unxirás o tabernáculo con todo o que hai nel; consagraralo cos seus accesorios, e quedará consagrado. [10]Unxirás tamén o altar dos holocaustos con todos os seus utensilios; consagraralo e será sacrosanto. [11]Unxirás e consagrarás tamén a pía coa súa base.

[12]Despois farás que se aproximen Aharón e seus fillos á entrada da Tenda do Encontro e que alí se laven. [13]Vestiraslle as vestiduras sacras a Aharón, unxiralo e consagraralo para o meu servizo. [14]Logo mandarás que veñan seus fillos e vestiraslles as súas túnicas. [15]Unxiralos, como fixeras con seu pai, para o meu sacerdocio, e a unción conferiralles un sacerdocio perpetuo polas xeracións.

**Cumprimento da orde**

[16]Moisés fixo todo como lle mandara o Señor. [17]O día un do mes primeiro do ano segundo levantouse o santuario. [18]Moisés fíxoo montar desta maneira: puxo as bases, colocou as táboas, meteu os traveseiros, levantou as columnas, [19]despregou a Tenda enriba do tabernáculo, púxolle por riba a cuberta, como o Señor mandara a Moisés.

[20]Despois colleu Moisés as táboas da alianza e meteunas na Arca. Púxolle á Arca os varais e colocou o propiciatorio enriba

dela. [21]Meteu a Arca no tabernáculo e puxo
o veo que tapaba a Arca da Alianza, confor-
me o Señor ordenara a Moisés. [22]Logo me-
teu a mesa na Tenda do Encontro, ao norte
do tabernáculo e por fóra do veo. [23]Dispuxo
enriba dela os pans presentados ao Señor,
como o Señor lle mandara a Moisés. [24]Co-
locou o candelabro na Tenda do Encontro,
polo lado sur, enfronte da mesa. [25]Acendeu
as lámpadas diante do Señor, como o Señor
lle mandara a Moisés. [26]Puxo tamén na Ten-
da do Encontro, por diante do veo, o altar
de ouro [27]e queimou nel incenso recendente,
como o Señor mandara a Moisés. [28]Á entra-
da do tabernáculo colocou a cortina. [29]Na en-
trada da Tenda do Encontro puxo o altar dos
holocaustos e enriba del ofreceu holocaus-
tos e ofrendas, como o Señor lle mandara a
Moisés.

[30]Entre a Tenda do Encontro e o altar puxo
a pía e botou nela auga para as ablucións.
[31]Alí lavaban as mans e os pés Moisés, Aha-
rón e seus fillos, [32]cando entraban na Tenda
do Encontro e cando se aproximaban ao altar,
como o Señor mandara a Moisés. [33]Montou
tamén o adro ao redor do tabernáculo e do
altar e pendurou a cortina da entrada do adro.
E así rematou Moisés a obra toda.

### A gloria do Señor no tabernáculo

[34]Entón a nube cubriu a Tenda do Encon-
tro e a gloria do Señor encheu o tabernáculo.
[35]Moisés non podía entrar na Tenda, por pou-
sarse a nube enriba dela e porque a gloria do
Señor enchía o tabernáculo.

[36]Nas xeiras do camiño que deberon facer
os israelitas, cando a nube se erguía de enri-
ba do tabernáculo, eles púñanse en marcha.
[37]Pero se a nube non se erguía, eles non se
movían ata vela moverse. [38]En todas as súas
xeiras os israelitas puideron observar como
a nube do Señor pousaba polo día enriba do
tabernáculo e como pola noite se convertía
en lume.

**40**, 34-38 Na teoloxía sacerdotal a nube é sinal da gloria de Deus ou da súa presenza. A Tenda serve de guía para o pobo; por ela, sinala Deus as xeiras do camiño, que vai comezar de novo, saíndo do Sinaí (Núm **9**, 15ss).

# INTRODUCIÓN AO LEVÍTICO

## 1. Título

Levítico *é o título deste libro na versión grega dos LXX. A súa razón de ser débese a que trata, na súa case totalidade, das leis e normas que regulan as funcións dos sacerdotes, fillos de Aharón, da tribo de Leví, no culto oficial do pobo de Israel.*

## 2. División

*Pódese dividir facilmente en cinco partes:*

1. *Dos sacrificios (clasificación, condicións das vítimas, dereitos dos sacerdotes) (**1-7**).*

2. *Rito de consagración dos sacerdotes e normas para o desempeño das súas funcións (**8-10**).*

3. *Pureza legal (**11-16**) (alimentos, a muller que deu a luz, a lepra das persoas, da roupa, da casa, a gonorrea (**15**) e o día de expiación (**16**).*

4. *Lei da santidade (**17-23**) do pobo, dos sacerdotes, dos días festivos.*

5. *Leis diversas sobre o candelabro e os pans da proposición, castigo do blasfemo, sobre o ano sabático e o xubileu, e finalmente sobre os décimos e os votos (**24-27**).*

## 3. Importancia dos sacrificios

*O acto máis importante do culto dos israelitas, como o de case todos os pobos coñecidos, é o sacrificio, que consiste en destruír para honra da divindade unha vítima animal ou vexetal. A revelación bíblica rexeitou sempre a inmolación dos seres humanos, caso frecuente noutras relixións. Con este xesto, as persoas queren expresar o seu agradecemento pola fecundidade do gando ou pola abundancia das colleitas do campo, asegurar a bendición da divindade para o futuro e tamén aplacar a xusta ira de Deus por causa das ofensas cometidas co fin de afastar as desgrazas, que se consideraban como castigo: a peste, a fame e a guerra.*

*A maior parte dos sacrificios dos que nos fala a Biblia son moi antigos, anteriores a Moisés (inclusive). O mérito dos hebreos estivo en depuralos dos aspectos supersticiosos e pagáns. Foi moi importante a intervención dos profetas ao longo do Antigo Testamento, no senso de subliñar o valor espiritual e moral dos sacrificios e fomentar a importancia da vida ética e social no culto de Israel. Este proceso de clarificación posibilitou a comprensión do sacrificio persoal de Cristo e do seu culto espiritual e vital, que se leva a cabo na Igrexa.*

## 4. A autoría do libro

*O Levítico, como os outros libros do Pentateuco, non foi redactado definitivamente ata despois do exilio (538), pero contén material moi antigo, por exemplo o referente aos alimentos puros e impuros (**11**), así como as normas de pureza legal (**13-15**). Tal vez a parte que primeiro se codificou foi a chamada "Lei de santidade" (**17-26**), que non sería posterior aos tempos da monarquía. Os responsables da redacción final foron, sen ningunha dúbida, os sacerdotes da escola de Isaías, continuada por Ezequiel e os seus discípulos, e levada a termo no tempo de Esdras.*

# LEVÍTICO

## PARTE PRIMEIRA

### Ritual do holocausto

**1** [1]Chamou o Señor a Moisés desde a Tenda
do Encontro e díxolle: [2]—Fálalles aos fillos de Israel e dilles: Cando un de vós queira ofrecerlle ao Señor unha oblación de animais, poderá ser de gando maior ou menor.

[3]Se a súa oblación fose holocausto de boi, deberá ser macho sen chata. Presentarao á porta da Tenda do Encontro e ofrecerao para que sexa aceptable na presenza do Señor, [4]impondo a súa man sobre a cabeza da vítima, para que sexa do agrado do Señor e lle sirva de expiación. [5]Sacrificará o xato diante do Señor e os sacerdotes, fillos de Aharón, ofrecerán o sangue, verténdoo arredor enriba do altar, que está á porta da Tenda do Encontro. [6]Despelellarán a vítima e, despois de a cortaren en anacos, [7]os sacerdotes, fillos de Aharón, acenderán o lume sobre o altar e axeitarán a leña enriba do lume. [8]Os mesmos sacerdotes, fillos de Aharón, disporán os anacos, a cabeza e a graxa enriba da leña, que axeitarán no lume do altar; [9]despois de lavar as entrañas e as patas con auga, o sacerdote fará queimar todo xunto sobre o altar, como holocausto de recendo para o Señor.

[10]Se a súa oblación fose de gando miúdo, isto é, de ovella ou de cabra, para holocausto, só poderá presentar un macho sen chata. [11]Sacrificarao no lado norte do altar diante do Señor, e os sacerdotes, fillos de Aharón, verterán o sangue arredor enriba do altar. [12]Cortarase logo nos anacos de costume, e xunto coa cabeza e a graxa da vítima o sacerdote disporá todo enriba da leña colocada sobre o lume. [13]Lavaranse con auga os intestinos e as patas e o sacerdote presentará e queimará todo xunto sobre o altar, como holocausto de recendo para o Señor.

[14]Se a súa oblación fose de ave, para ofrecer en holocausto ao Señor, terán que ser rulas ou pichóns de pomba, como ofrenda súa. [15]O sacerdote presentará sobre o altar a vítima, arrincaralle a cabeza e queimaraa enriba do altar; despois espremeralle o sangue contra a parede do altar, [16]arrincaralle o papo e as plumas e tirará con elas no lado leste do altar para o sitio da cinsa; [17]quebraralle logo as ás, pero sen llas arrincar, e o sacerdote queimará a vítima no altar enriba da leña colocada sobre o lume. Será un holocausto de recendo para o Señor.

### Ofrendas

**2** [1]Se alguén quere facer unha oblación á
honra do Señor, terá que ser de flor de fariña, engadíndolle aceite e botándolle incenso enriba. [2]Deberállela presentar aos sacerdotes, fillos de Aharón. O sacerdote collerá dela unha presa da súa flor de fariña, parte do seu aceite e todo o incenso, e queimarao sobre o altar aceso, como lembranza de recendo para Iavé. [3]O resto da oblación será para Aharón e para seus fillos, como porción máis santa do holocausto á honra do Señor.

[4]Cando ofrezas unha oblación cocida no forno, ha ser un molete de flor de fariña sen fermento adobada con aceite, e boliños sen

**1**,1 *A Tenda do Encontro*. Non atopamos outro vocábulo máis axeitado para designar o "tabernáculo". No tempo do deserto no que se vai desenvolver a vida de Israel e teñen orixe as leis do seu culto e do resto da vida social, o templo era unha tenda de campaña coma as outras nas que moraban os israelitas, peregrinos de cara á terra de promisión.

**1**, 3 O vocábulo con que o texto hebreo describe o holocausto alude ao feito de algo que sobe, algo que se ergue de cara ao ceo, sé da Divindade, mentres que "holocausto" significa cremación total da vítima, que se queima en acción de grazas polos beneficios recibidos. No Lev xeralmente ten o valor dun sacrificio expiatorio.

**1**, 4 O xesto da imposición das mans enriba da vítima ten significados diversos. O máis importante tal vez sexa o de expresar a solidariedade do oferente coa vítima.

**1**, 5 En tempos posteriores soamente podían sacrificar e ofrecer estas vítimas os levitas (cf Ez **44**, 11). O valor sacrificial do sangue derívase da idea de que a vida estaba nel (Lev **17**, 11; Dt **12**, 23). Para que este sangue non se profane, toda matanza de animais débese facer enriba dun altar (1 Sam **14**, 32-35). Está prohibido comer carne co sangue (Xén **9**, 4; Lev **3**, 17; **7**, 26; **17**, 12) e endexamais se pode verter sangue humano (Xén **4**, 10; Lev **26**, 21). Débese notar o protagonismo dos sacerdotes, fillos de Aharón, nas cerimonias consideradas como máis importantes do sacrificio.

**1**, 9 O texto hebreo describe o holocausto como un "alimento queimado" para Iavé. O sentido parece ser que a ofrenda queda espiritualizada totalmente, e polo mesmo o home non participa da vítima, que ten que ser queimada toda ela, e converterse nun recendo, coma o do incenso, que sobe cara ao ceo.

**2**, 1 A oblación dos froitos da terra supón a vida sedentaria, e equipárase ao holocausto. Por iso tamén se queima unha presa da flor de fariña e os demais elementos como "alimento queimado" (**1**, 9; **2**, 9).

**2**, 3 *A porción máis santa* era a que se consideraba máis sagrada e que só podía ser utilizada e manexada polos sacerdotes, como o altar (Éx **29**, 18), que converte en sagradas todas as cousas que toquen nel.

fermento amasados con aceite. [5]Se a oblación fose frixida na tixola, ha ser de flor de fariña sen fermento mesturada con aceite; [6]cortarala en rebandas e botaraslle enriba aceite: é unha oblación. [7]Se a túa oblación fose cocida, terá que ser de flor de fariña con aceite. [8]Levarás, pois, ao Señor a ofrenda preparada destas diferentes maneiras e presentaraslla ao sacerdote, que a porá sobre o altar. [9]O sacerdote quitará da oblación a *lembranza* e queimaraa no altar como holocausto de recendo para o Señor. [10]O resto da oblación será para Aharón e para seus fillos, como porción máis santa do holocausto para o Señor.

[11]Toda oblación que lle fagades ao Señor ha ser preparada sen fermento, porque non se debe queimar en holocausto ao Señor ningunha ofrenda con fermento ou mel. [12]Poderédelas ofrecer como oblación de primicias ao Señor, pero non as queimaredes no altar como recendo para o Señor. [13]Ademais disto, sazonarás con sal toda oblación, endexamais faltará o sal da alianza do teu Deus en ningunha das túas ofrendas. Porás sal por riba de toda oblación túa. [14]Se ofreces oblación de primicias ao Señor, presentarás espigas sen madurar, torradas no lume, debullando os seus grans tenros, como oblación das túas primicias; [15]botaraslles aceite enriba e poraslles incenso, pois é unha oblación. [16]O sacerdote queimará a *lembranza*, parte dos grans debullados e parte do aceite e todo o incenso, como holocausto para o Señor.

### Sacrificios de comuñón

**3** [1]Cando alguén queira ofrecer un sacrificio de comuñón, e o fai de gando maior, presentará diante do Señor unha res sen chata, macho ou femia. [2]Imporá a súa man sobre a cabeza da súa vítima e sacrificaraa no limiar da Tenda do Encontro. Os sacerdotes, fillos de Aharón, asperxerán co sangue por enriba do altar e arredor. [3]Da vítima do sacrificio de comuñón ofrecerá en holocausto para o Señor o unto que envolve as entrañas e todas as graxas que envurullan o intestino, [4]os dous riles coa graxa que os envolve, a graxa que hai nas illargas e a que foi separada do fígado, ademais da dos riles. [5]Os fillos de Aharón queimarán todo isto encol do altar, xunto coa oblación que se pon enriba da leña, colocada sobre o lume, como holocausto de recendo para o Señor.

[6]Se a ofrenda fose de gando miúdo, como sacrificio de comuñón ao Señor, terase que ofrecer unha res sen chata, macho ou femia. [7]Se a súa ofrenda é un año, presentarao diante do Señor, [8]imporá a súa man sobre a cabeza da vítima e sacrificaraa diante da porta da Tenda do Encontro. Os fillos de Aharón asperxerán co sangue o altar por riba e arredor. [9]Da vítima do sacrificio de comuñón quitará para ser queimada en honor do Señor o lardo todo, o rabo enteiro, cortado a rentes da espiña, as graxas que envolven as entrañas e todo o unto dos intestinos, [10]os dous riles coa graxa que os envurulla, a graxa das illargas e a membrana que envolve o fígado, ademais dos riles. [11]O sacerdote queimará todo no altar, como holocausto de recendo para o Señor.

[12]Se a súa ofrenda fose unha cabra, presentaraa diante do Señor, [13]imporá a súa man sobre a cabeza da vítima, sacrificaraa diante da Tenda do Encontro, e os fillos de Aharón asperxerán co sangue da vítima por riba do altar e arredor. [14]Da súa vítima, para ofrecer como holocausto ao Señor, sacará o lardo que envurulla as entrañas, o unto todo dos intestinos, [15]os dous riles coa graxa que os envolve, o lardo que cobre o fígado, ademais do dos riles. [16]O sacerdote queimará todo encol do altar como holocausto de todas as graxas, recendo para o Señor. [17]Estatuto perpetuo por todas as xeracións vosas, onde queira que habitedes: endexamais probaredes bocado de graxa, nin sangue.

**2**, 11 Non sabemos por que ten que ser sen fermento, nin mel. Quizais sexa en lembranza da festa da Pascua e dos Ácimos.

**2**, 13 En todo o Próximo Oriente, como xa entre os asirios, ao sal atribuíaselle un poder purificador, e usábase tanto nos sacrificios cultuais coma nos convites de amizade ou nos que se selaba unha alianza (Núm **18**, 19; 2 Cro **13**, 5).

**2**, 16 *A lembranza*, "azkarah", é un termo ambiguo: pódese traducir tamén como "memorial", "peñor", "recendo", coma no v. 2.

**3**, 1 *Sacrificio de comuñón* ("zébah xelamím") ou tamén "sacrificio pacífico" ou "das paces". Trátase dun sacrificio moi antigo de Canaán e dos pobos veciños, nos que parte da vítima, a graxa e o sangue, se lle daban á divindade; outra parte era para os sacerdotes e a terceira era para o oferente. Parece que se quería simbolizar a amizade e comuñón entre o home e Deus.

**3**, 6 A diferenza do holocausto, no que só se pode ofrecer un macho, neste sacrificio tamén pode ser femia.

**3**, 11 O texto grego suprime a palabra "alimento", que ten resonancias a "gana". O mesmo sucede no v. 16.

### Sacrificios de expiación

**4** [1]O Señor díxolle a Moisés: [2]–Fálalles aos fillos de Israel e dilles: Calquera que peque, sen o saber, contra un mandamento de Iavé, facendo algo que El privou de facer, entón: [3]Se o que peca é o sumo sacerdote, o unxido que, como tal, fai culpable ao pobo, ofrecerá polo pecado cometido en prexuízo do pobo un xato de boi sen chata á honra do Señor. [4]Levará o xato diante do Señor á porta da Tenda do Encontro, imporá a súa man sobre a cabeza do becerro, e sacrificarao alí diante do Señor. [5]O sacerdote, o unxido, collerá do sangue da vítima e entrará na Tenda do Encontro. [6]Mollará o sacerdote os seus dedos no sangue e asperxerá con el sete veces de cara ao veo do santuario. [7]Tinguirá despois o sacerdote co sangue as esquinas do altar do incenso recendente, que está diante do Señor na Tenda do Encontro, e todo o resto do sangue da vítima verterao ao pé do altar dos holocaustos, situado no limiar da Tenda do Encontro. [8]Collerá logo toda a graxa do xato do sacrificio expiatorio, tanto a que envolve as entrañas, coma o unto dos intestinos, [9]os dous riles coa graxa que os envurulla, a que ten nas illargas e a membrana que envolve o fígado e os riles, [10]e dun xeito semellante a como se fai co becerro do sacrificio de comuñón, o sacerdote queimarao no altar dos holocaustos. [11]Emporiso a pelica do xato, toda a súa carne, a cabeza, as patas, as entrañas e excrementos, [12]todo o resto do becerro será levado fóra do campamento a un lugar puro, onde se botan as cinsas: alí será queimado enriba da leña. O becerro será queimado no mesmo lugar onde se botan as cinsas.

[13]Se quen peca é toda a comunidade de Israel, pero non se decata a comunidade de que fai algo que o Señor privou de facer, [14]cando a comunidade se decate do pecado cometido, ofrecerá polo pecado un xato. Presentarao diante da Tenda do Encontro. [15]Os patrucios da comunidade imporán as súas mans sobre a cabeza do xato diante do Señor e sacrificarano diante do Señor. [16]O sacerdote, o unxido, levará do sangue da vítima para a Tenda do Encontro, [17]mollará os seus dedos no sangue e asperxerá con el sete veces de cara ao veo, [18]tinguirá con sangue as esquinas do altar, que está na Tenda do Encontro diante do Señor, e verterá todo o resto do sangue ao pé do altar dos holocaustos, que está no limiar da Tenda do Encontro. [19]Recollerá toda a súa graxa e queimaraa no altar, [20]facendo con esta vítima como fixera co xato do sacrificio expiatorio. O sacerdote fará con el a expiación pola comunidade e serán perdoados. [21]Levará o xato fóra do campamento e queimarao, como queimaran o xato anterior, como sacrificio de expiación polo pecado da comunidade.

[22]Se o que peca é un xefe, facendo algo sen se decatar de que Iavé, o seu Deus, o privou de facer, [23]cando se decate de que cometeu un pecado, ofrecerá como sacrificio un chibo, macho sen chata. [24]Imporá a súa man sobre a cabeza do chibo, e sacrificarao no lugar adoitado para matar as vítimas do holocausto diante do Señor, pois é un sacrificio expiatorio. [25]O sacerdote collerá do sangue do animal e cos seus dedos tinguirá as esquinas do altar dos holocaustos. O resto do sangue verterao ao pé do mesmo. [26]Despois queimará todas as graxas no altar, como fixera co unto do sacrificio de comuñón. Desta maneira expiará o sacerdote polo seu pecado e seralle perdoado.

[27]Se o que peca é un calquera do pobo, facendo, sen decatarse, algo que o Señor privou de facer, [28]cando se decate de que cometeu pecado, ofrecerá como sacrificio, unha cabra, femia sen chata, para expiar polo pecado cometido. [29]Imporá a súa man sobre a cabeza da vítima e sacrificará a cabra no lugar dos holocaustos. [30]O sacerdote collerá do sangue da cabra e cos seus dedos tinguirá as esquinas do altar dos holocaustos e o resto do sangue verterao ao pé do altar. [31]Separará toda a súa graxa, como fora separada a graxa do sacrificio de comuñón, e queimaraa o sacerdote no altar como recendo para o Señor. O sacerdote expiará por el, e seralle perdoado. [32]Se ofrece un año como sacrificio polo seu pecado, presentará unha femia sen chata. [33]Imporá a súa man sobre a cabeza da vítima e sacrificaraa en expiación no lugar no que

**4**, 2 Un novo sacrificio, o de "expiación" polo pecado a causa de ignorancia. Non se debe confundir co de "recuperación", no que se trata de pecados contra a xustiza, sexa para con Deus, defraudando das vítimas dos sacrificios, sexa para cos homes. O de expiación alude aos pecados máis ben rituais.

**4**, 3 O pecado do Sumo Sacerdote implica a todo o pobo. Por iso o seu sacrificio será igual ao de toda a comunidade (v. 15).

**4**, 12 O campamento no que habita Iavé é sagrado, e, polo tanto, o resto da vítima polo pecado ten que ser queimado fóra.

se adoita matar as vítimas do holocausto. [34]O sacerdote collerá do sangue, e cos seus dedos tinguirá con el as esquinas do altar do holocausto, e todo o sangue restante verterao ao pé do altar. [35]Recollerá toda a graxa, como fixera coa graxa do año do sacrificio de comuñón, e queimaraa no altar, xunto coas vítimas queimadas ao Señor. O sacerdote expiará así pola tal persoa, por causa do seu pecado e seralle perdoado.

### Expiación dos pecados de impureza ritual

**5** [1]Se unha persoa peca porque, citado con xuramento como testemuña de vista ou de oído, non declarou, cargará coa súa culpa. [2]Se alguén, sen se decatar, toca algo impuro, coma o cadáver dunha fera impura, ou o dun animal impuro, ou o dun réptil impuro, cando se decate diso, faise impuro e culpable. [3]Igualmente se, sen se decatar, toca algunha impureza humana de calquera caste das impurezas que manchan, cando se decate, faise culpable. [4]Se alguén, sen se decatar, fai un xuramento cos seus labios, sexa para mal ou para ben, dicindo as verbas coas que a xente adoita xurar, cando se decate, faise culpable. [5]Se de calquera maneira alguén se fixo culpable, declare o pecado cometido [6]e, como expiación por tal pecado, presentará diante do Señor unha vítima de gando miúdo, femia de ovella ou cabra, e o sacerdote fará con ela a expiación polo delito. [7]Se non tivese nin sequera unha res de gando miúdo, ofrecerá a Iavé polo pecado cometido dúas rulas ou dous pichóns de pomba, un como expiación polo pecado e o outro como holocausto. [8]Presentarallos ao sacerdote e ofrecerá primeiro o da expiación polo pecado, retorcéndolle a cabeza polo pescozo, sen lla arrincar. [9]Co sangue da vítima asperxerá as paredes do altar, e verterá o resto do sangue ao pé do altar. É unha expiación polo pecado. [10]Despois ofrecerá a do holocausto, seguindo o rito acostumado, e o sacerdote fará con el a expiación polo pecado e seralle perdoado. [11]Pero se nin sequera ten dúas rulas nin dous pombiños, ofrecerá, como oblación súa polo seu pecado, a décima parte dun *efah* de óleo de fariña, sen lle botar aceite, nin lle pór incenso, por ser ofrenda polo pecado. [12]Levaralla ao sacerdote, quen collerá unha presa da fariña, como lembranza, e queimaraa no lume do altar do Señor. É un sacrificio polo pecado. [13]Con isto o sacerdote expiará o pecado cometido dalgunha destas maneiras e quedaralle perdoado. O resto da ofrenda pertence ao sacerdote, como na oblación normal.

### Sacrificios de reparación

[14]O Señor díxolle a Moisés: [15]–Se alguén comete, sen se decatar, un pecado de fraude, diminuíndo algo das ofrendas consagradas ao Señor, presentará do seu gando miúdo, como reparación ao Señor, un carneiro sen chata; avaliarao en siclos de prata, conforme se adoita no santuario, como sacrificio de expiación. [16]Polo prexuízo causado ao santuario, sacando do consagrado, devolverá todo engadíndolle un quinto máis. Entregarallo ao sacerdote, quen coa ofrenda do carneiro, expiará polo pecado e seralle perdoado. [17]Calquera que teña pecado, facendo, sen se decatar, algo que o Señor privou de facer, faise culpable ao coñecelo, e queda obrigado a expiar a súa culpa. [18]Presentará ao sacerdote un carneiro do seu gando miúdo sen chata, valorado en proporción ao delito, e con el expiará o sacerdote polo pecado cometido sen decatarse do que facía e quedaralle perdoado. [19]É unha reparación, unha verdadeira reparación diante do Señor.

### Fraude nos bens do próximo

[20]O Señor díxolle a Moisés: [21]–Se alguén peca, facendo unha fraude contra o Señor por negarlle ao seu próximo algún empréstito, ou algún diñeiro que lle deran a gardar ou non devolve a cousa peñorada, ou lle rouba algo pola forza ao seu próximo, [22]ou se non quere entregar o obxecto alleo atopado, ou xura en falso nalgún dos casos nos que adoitan facelo os homes, pecando con iso: [23]se alguén peca dalgunha destas maneiras, terá que devolver todo canto negou, ou roubou, ou usurpou pola forza; ou quedou co diñeiro que lle deran a gardar, ou non entregou a cousa perdida que atopou, [24]e por calquera das cousas polas que xurou en falso, devolverao todo e engadirá un quinto máis, e entregarao el mesmo en persoa ao seu dono no mesmo día en que

**5**, 1 Parece que se refire a algunha "fórmula imprecatoria" coa que o xuíz interroga a un suposto pecador; o que oe "as verbas do xuramento" e non descobre o que sabe, faise culpable.
**5**, 11 *O efah* equivale a 39,38 kg, polo tanto a décima parte sería á beira de catro kg.
**5**, 15 *Un pecado de fraude* roubando das cousas ofrecidas en sacrificio "avaliado en siclos de prata" era un patrón fixo que non se podía cambiar.
**5**, 17 Fala dun pecado cometido, por exemplo, rompendo algún obxecto do culto ou o deterioro dalgún utensilio do santuario.

faga a reparación do seu delito. [25]Como reparación ao Señor ofrecerá por medio do sacerdote un carneiro do seu gando, sen chata, de conformidade coa súa taxación. [26]O sacerdote expiará con el diante do Señor e seralle perdoado o seu pecado, calquera que fose a cousa que fixo.

### Os sacrificios. Holocausto cotián

**6** [1]O Señor díxolle a Moisés: [2]–Manda a Aharón e a seus fillos: Este é o regulamento do holocausto: a vítima arderá no lume do altar toda a noite ata a mañá, e, mentres, o lume do altar manterase aceso. [3]O sacerdote, tendo todo o seu corpo vestido con túnica e calzóns de liño, recollerá do altar as cinsas da vítima consumida polo lume e botaraas á beira do altar. [4]Espirá a roupa que leva, e vestirá outra; despois levará as cinsas fóra do campamento a un lugar puro. [5]O lume manterase aceso decote no altar, sen que se apague nunca. Cada mañá o sacerdote botaralle leña, colocará enriba o holocausto e queimará a graxa das vítimas do sacrificio de comuñón. [6]O lume do altar arderá decote, sen apagarse nunca.

### A oblación

[7]Este é o regulamento da oblación: Os fillos de Aharón presentarana no altar diante do Señor. [8]O sacerdote collerá dela unha presa de flor de fariña ofrecida, parte do seu aceite e todo o incenso que lle bota enriba, e queimarao no altar como recendo e como lembranza para o Señor. [9]Aharón e seus fillos comerán o resto da oblación, sen fermento, no lugar santo, no limiar da Tenda do Encontro. [10]Non lle porás fermento, pois é a porción que eu lles dou do holocausto das ofrendas que se me fan a min; é cousa moi santa, como a expiación polo pecado e a reparación polo delito. [11]Poderana comer soamente todos os fillos homes de Aharón. É un estatuto perpetuo para a vosa posteridade, acerca das oblacións que se lle deben queimar ao Señor. Calquera que as toque quedará consagrado.

### Consagración dos sacerdotes

[12]O Señor díxolle a Moisés: [13]–A ofrenda que teñen que presentar ao Señor Aharón e seus fillos no día da súa consagración será: a décima parte dun *efah* de flor de fariña, como oblación cotiá, a metade pola mañá e a outra metade á tarde. [14]Será adobada con aceite e frixida na tixola; será presentada en rebandas, despois de cociñada, como recendo para o Señor. [15]O sumo sacerdote que o suceda no cargo de entre seus fillos, fará do mesmo xeito. É un estatuto perpetuo. Deberá ser todo queimado á honra do Señor. [16]A oblación do sacerdote será toda queimada, non se comerá ren dela.

### Sacrificio polo pecado

[17]Faloulle o Señor a Moisés: [18]–Dilles a Aharón e aos seus fillos: Esta é a lei da oblación polo pecado: No mesmo lugar no que se sacrifica a vítima do holocausto, terá que ser sacrificada a vítima polo pecado diante do Señor: é unha cousa sacrosanta. [19]O sacerdote oferente será o que a coma no lugar sagrado, no limiar da Tenda do Encontro. [20]Calquera que toque a carne da vítima quedará consagrado, e toda a roupa de calquera que sexa manchada co seu sangue, terá que ser lavada no lugar sagrado. [21]A ola de barro na que foi cociñada terá que ser escachada, e se fose de bronce, terá que ser ben fregada e enxugada. [22]Poderán comela soamente os homes, sacerdotes, pois é unha cousa sacrosanta. [23]A vítima do sacrificio expiatorio, da que se leva o sangue á Tenda do Encontro para facer a expiación no santuario, non se comerá, terá que ser queimada toda no lume.

### Sacrificio de reparación

**7** [1]Este é o regulamento do sacrificio de reparación polo delito: É unha cousa sacrosanta. [2]No mesmo lugar no que se sacrifica a vítima do holocausto, terá que ser sacrificada a vítima polo delito e o seu sangue será vertido arredor enriba do altar. [3]Des-

**6**, 2 Como parece por Ez **46**, 13-15, todos os días había que ofrecer un holocausto pola mañá. Esta práctica vémola confirmada no tempo dos Reis (1 Re **18**, 29; 2 Re **16**, 15), no que se fala da oblación da tarde. En Ex **29**, 38-42 e Núm **28**, 3-8, prescríbese facer o holocausto da mañá e outro entre dúas luces, á noitiña de cada día. Son sacrificios cotiáns, que se fan no nome de todo o pobo; débense diferenciar dos que ofrendaban os particulares e dos que se falou nos capítulos anteriores.

**6**, 11 Só a poden comer os homes, e dentro do lugar santo. Acaso obedece esta lei a evitar os costumes cananeos de celebrar o culto con grandes orxías nas que non faltaban os desafogos sexuais, despois de comer e beber de máis.

**6**, 12-16 Interrompen o tratamento lóxico dos sacrificios, que segue no v. 17. Estes versos faltan no manuscrito grego A. Acaso fosen interpolados, por algunha razón descoñecida.

**6**, 14 *Cociñada*: outros traducen "escaldada", "ben quente", "desfeita en aceite".

**7**, 1 Fálase dun triplo sacrificio: a) de reparación (vv. 1-6), b) de expiación (v. 7) e c) de comuñón (v. 11). Non sabemos definir que relación gardan entre si, nin en que se diferencian.

pois ofrecerase toda a súa graxa, o rabo, o
unto que envolve as entrañas, [4]os dous riles
e a graxa que os rodea, ademais da que hai
nas illargas, o unto e a graxa que envurulla
o fígado e os riles. [5]O sacerdote queimará
todo iso no altar. É un holocausto para o Se-
ñor, un sacrificio de reparación polo delito.
[6]Poderana comer soamente os sacerdotes
varóns, no lugar sagrado. É unha cousa sa-
crosanta.

[7]A mesma lei para o sacrificio de expia-
ción será para o da reparación. A vítima per-
tencerá ao sacerdote que fai a expiación. [8]O
pelello da vítima será soamente para o sa-
cerdote que ofrece o holocausto. [9]Calquera
oblación asada no forno, frixida na tixola
ou cocida na tarteira será só para o sacer-
dote oferente. [10]Toda ofrenda mesturada
con aceite ou seca será para todos os fillos
de Aharón: para cada un ou para toda a súa
comunidade.

### Sacrificio de comuñón

[11]Este é o regulamento do sacrificio de co-
muñón, que se lle ofrece ao Señor: [12]Quen
queira presentar unha oblación para dar gra-
zas, ademais da vítima da ofrenda, ofrecerá
bolos sen fermento adobados con aceite e bo-
las sen fermento sazonadas con aceite e tor-
tas de flor de fariña mesturada con aceite. [13]A
máis da súa oblación presentará bolos de pan
con fermento e a maiores a vítima para o sa-
crificio de acción de grazas. [14]Unha porción
de cada un de todos os sacrificios ofrecidos
ao Señor será para o sacerdote, quen asper-
xeu con sangue da vítima de comuñón. [15]A
carne da vítima do sacrificio de comuñón terá
que ser comida no mesmo día, non se deixará
nada dela para o día seguinte.

### Sacrificios votivos

[16]Se a vítima se ofrece para cumprir un
voto ou unha promesa voluntaria, comerase
no mesmo día en que se sacrifica, pero o so-
brante poderase comer no día seguinte. [17]O
resto da carne da vítima queimarase no lume
ao terceiro día. [18]Se alguén quixese comer
carne da vítima do sacrificio de comuñón
no terceiro día, non lle será aceptable a súa
oblación, non se terá por válida: será rexei-
tada e quen coma dela cargará coa súa culpa.
[19]Se algunha parte desta carne tocou algo
impuro, non se poderá comer, terá que ser
queimada no lume; pero a outra carne pode-
rá comela o que estea puro. [20]Calquera que
coma carne do sacrificio de comuñón sendo
culpable dalgunha impureza, será exterми-
nado do medio do seu pobo. [21]Quen toque
algo impuro, ben de home, ben de animal,
ben dalgún outro obxecto impuro e coma da
carne do sacrificio de comuñón ofrecido ao
Señor, será exterminado do medio do seu
pobo.

[22]O Señor díxolle a Moisés: [23]–Fálalles
aos fillos de Israel e dilles: Ninguén come-
rá nada da graxa do boi, nin da ovella nin
da cabra. [24]A graxa dun animal morto ou
esnaquizado por fera poderase empregar
para calquera uso, pero en ningún caso se
comerá. [25]Calquera que coma da graxa das
vítimas que se poden ofrecer en holocausto
ao Señor, será exterminado do medio do seu
pobo. [26]Onde queira que residades, endexa-
mais comeredes sangue nin de cuadrúpedes,
nin de aves. [27]Calquera que coma dalgunha
caste de sangue, será exterminado do medio
do seu pobo.

[28]Díxolle o Señor a Moisés: [29]–Fálalles aos
fillos de Israel e dilles: O que ofreza un sacri-
ficio de comuñón ao Señor, presentará unha
parte da vítima, [30]levando nas propias mans
o que ten que ser queimado á honra do Se-
ñor: a graxa e o peito. O peito para abalalo
diante do Señor. [31]O sacerdote queimará no
altar a graxa. O peito será para Aharón e seus
fillos. [32]Como tributo, darédeslle ao sacerdote
a perna dereita dos vosos sacrificios de comu-
ñón. [33]O pernil dereito de diante perténcelle
ao sacerdote que ofrece o sangue e a graxa
do sacrificio de comuñón. [34]Porque o peito
abalado ritualmente e o pernil dereito, que eu
reservo dos sacrificios de comuñón dos fillos
de Israel, dóullelos ao sacerdote Aharón e aos
seus fillos como dereito perpetuo, obrigato-
rio para os fillos de Israel. [35]Esa é a parte dos
sacrificios queimados para o Señor, que lles
corresponde a Aharón e aos seus fillos, des-
de o día en que foron consagrados sacerdotes
para o Señor. [36]Isto é o que mandou o Señor
que lles dean os fillos de Israel aos sacerdotes

**7**, 16 Manda comer a carne no mesmo día en que se sacrifica a res ou no día seguinte, nunca no terceiro día. Razóns de saúde, de seguro.

**7**, 20 Este castigo equivale á pena de morte, pois fóra da comunidade o nómade non pode vivir. Ademais quedaba privado de participar na promesa feita a Abraham.

**7**, 34 *O peito abalado*: o xesto de ofrecelo erguéndoo de cara arriba viña a significar que se consideraba coma un regalo que Deus lle facía do que lle pertencía a El e con esa mentalidade debía ser comido.

no día da súa consagración, dereito perpetuo para todas as xeracións. [37]Este é o regulamento do holocausto, da oblación, do sacrificio de expiación, da consagración e do sacrificio de comuñón, [38]que lle mandou o Señor a Moisés no monte Sinaí, no día en que lles ordenou aos fillos de Israel que presentasen as súas ofrendas ao Señor no deserto do Sinaí.

## PARTE SEGUNDA

### Consagración dos sacerdotes

**8** [1]Díxolle o Señor a Moisés: [2]–Chama a Aharón e aos seus fillos con el e colle as roupas, o aceite da unción, o xato do sacrificio, os dous carneiros e o cesto dos pans sen fermento [3]e xunta a toda a comunidade diante da Tenda do Encontro.

[4]Fixo Moisés como lle mandara o Señor e convocou a comunidade diante da Tenda do Encontro, na entrada. [5]E Moisés díxolle á comunidade: –Isto é o que o Señor manda facer.

[6]E Moisés fixo que se lle aproximasen Aharón e os seus fillos, e lavounos con auga. [7]Vestiulle a túnica a Aharón, cinguíndolla co cíngulo, cubriuno co manto, púxolle enriba o *efod* apertándollo coa faixa e deixándollo ben cinguido. [8]Colocoulle o peitoral e enriba del os *urim* e os *tummim*; [9]púxolle na cabeza a tiara e na cima da tiara por diante púxolle a flor de ouro, a coroa sagrada, conforme lle mandara o Señor a Moisés. [10]Colleu logo Moisés o aceite da unción e unxiu con el a Tenda e todo o que había nela e consagrounos. [11]Asperxeu con el sete veces o altar e unxiuno xunto con todos os demais utensilios, e tamén a pía e mais o seu pé para consagralos. [12]Despois verteu aceite da unción sobre a cabeza de Aharón e unxiuno para consagralo. [13]Mandou logo que se lle aproximasen os fillos de Aharón e vestiulles as túnicas, apertándollelas cos cíngulos e cubriunos coas mitras, como lle mandara o Señor.

[14]Fixo traer o xovenco para o sacrificio de expiación, e Aharón e mais os seus fillos impuxéronlle as súas mans sobre a cabeza. [15]Moisés degolouno e, mollando os seus dedos no sangue, asperxeu con el as esquinas do altar arredor para purificalo; verteu o resto do sangue ao pé do altar para consagralo, facendo o rito de expiación por el. [16]Recolleu toda a graxa que envolve as entrañas e o fígado, os dous riles coa súa graxa e fixo queimar todo no altar. [17]Queimou o xovenco enteiro: coiro, carne e excrementos, fóra do campamento, como o Señor llo mandara facer a Moisés.

[18]Mandou traer o carneiro do holocausto, e Aharón e mais os seus fillos impuxéronlle as súas mans sobre a cabeza. [19]Moisés degolouno e verteu o sangue por riba do altar arredor. [20]Descuartizou o carneiro en anacos e fíxoos queimar xunto coa cabeza e a graxa. [21]Lavou con auga as entrañas e as patas e fixo queimar todo o carneiro no altar do holocausto. Foi un holocausto de recendo para o Señor, como lle mandara o Señor a Moisés.

[22]Mandou traer o segundo carneiro, o do sacrificio da consagración, e Aharón e mais os seus fillos impuxéronlle as súas mans sobre a cabeza. [23]Moisés degolouno e, collendo sangue, untou o lóbulo da orella dereita de Aharón, o dedo polgar da man dereita e a deda do pé dereito de Aharón. [24]Fixo que se lle achegasen despois os fillos de Aharón e untoulles tamén os lóbulos da súa orella dereita, os dedos polgares da man dereita e as dedas do pé dereito. O resto do sangue verteuno Moisés por riba do altar arredor.

[25]Recolleu logo as partes gordas, isto é, o rabo, o unto, que envolve as entrañas, a graxa que envurulla o intestino e o fígado, os dous riles coa súa graxa e o pernil dereito de diante. [26]Do cesto dos pans sen fermento, que están diante do Señor, colleu un pan sen fermento, un bolo de pan adobado con aceite e unha bola e pousounos encima da graxa e do pernil dereito. [27]Puxo todo nas mans de Aharón e nas dos seus fillos, facendo o xesto de ofrecemento diante do Señor. [28]Deseguida colleu Moisés todo das mans deles e queimouno no altar sobre a vítima. Foi un sacrificio de consagración, holocausto de recendo para o Señor. [29]Despois Moisés colleu o peito do carneiro e fixo o xesto de ofrecemento ao Señor, por ser esta a porción do carneiro que lle pertencía a Moisés, como lle mandara o Señor no sacrificio da consagración.

**8**, 1 A cerimonia de consagración de Aharón e de seus fillos vén ser o cumprimento en forma narrativa do mandado en Éx **29**, no que se regulamentan por miúdo os pasos que se teñen que dar para que sexa conforme coa vontade divina.

30Moisés colleu do aceite da unción e do
sangue pousado enriba do altar e asperxeu
con el a Aharón e as súas roupas, aos seus
fillos e as súas roupas e consagrou a Aharón
e os seus vestidos, xunto cos seus fillos e as
súas roupas.
31Moisés díxolles a Aharón e aos seus fi-
llos: –Cocede a carne na entrada da Tenda
do Encontro e comédea alí mesmo co pan do
cesto da consagración, de acordo coa orde
que se me deu, dicindo: "Soamente a poderán
comer Aharón e os seus fillos". 32O sobrante
da carne e do pan queimarédelo no lume.
33Non vos afastaredes da porta da Tenda do
Encontro durante sete días, ata que chegue
o día derradeiro da vosa consagración, que
durará sete días completos. 34Tal como se
fixo no día de hoxe, mandou o Señor que se
faga sempre para a vosa expiación. 35Mante-
rédesvos á porta da Tenda do Encontro día e
noite durante sete días, cumprindo as ordes
do Señor para que non morrades, pois así me
foi mandado.
36Aharón e os seus fillos fixeron todo como
lles ordenara o Señor por medio de Moisés.

### Primeira actuación dos sacerdotes

**9** 1No día oitavo Moisés chamou a Aharón
e a seus fillos e a todos os patrucios de
Israel. 2Díxolle a Aharón: –Colle un xato
para o sacrificio de expiación e un carneiro
para o holocausto, ambos sen chata, e ofré-
ceos diante do Señor. 3Fálalles aos fillos de
Israel e dilles: "Escollede un chibo para o
sacrificio de expiación e un xovenco e un
año dun ano, ambos sen chata para o holo-
causto. 4Un boi e un carneiro para o sacri-
ficio de comuñón, que sacrificaredes diante
do Señor, a máis dunha oblación adobada
con aceite. Hoxe de seguro hásevos apare-
cer o Señor".
5Levaron todo o que lles dixera Moisés
diante da Tenda do Encontro e toda a comu-
nidade, aproximándose, mantívose alí de pé
diante do Señor. 6Entón Moisés dixo: –Velaí
o que o Señor vos mandou facer para que se
vos apareza a súa gloria.
7Despois díxolle Moisés a Aharón: –Aché-
gate ao altar e ofrece o teu sacrificio de expia-
ción e o teu holocausto e fai a expiación por
ti e pola túa familia; presenta tamén a ofrenda
do pobo, para expiar por el, como o mandou
o Señor.
8Achegouse ao altar Aharón e sacrificou
o xovenco, como expiación polo seu propio
pecado. 9Os fillos de Aharón presentáronlle
o sangue e el, mollando os dedos nel, as-
perxeu os lados do altar e verteu o resto do
sangue ao pé do altar. 10Queimou no altar
a graxa, os riles, o unto que envurulla o fí-
gado, sacados da vítima, como o Señor lle
tiña mandado a Moisés. 11A carne e o pelello
queimounos no lume fóra do campamento.
12Sacrificou tamén a vítima para o holocaus-
to e os fillos de Aharón presentáronlle o san-
gue e el verteuno arredor por riba do altar.
13Trouxéronlle despois a vítima do holo-
causto, cortada en anacos xunto coa cabeza,
e queimouna no altar. 14Lavou as entrañas e
as patas e queimounas por riba do holocaus-
to no altar. 15Ofreceu tamén o sacrificio do
pobo, collendo un cabrito para expiar polo
pobo, e sacrificouno facendo o rito da ex-
piación, coma o primeiro. 16Logo ofreceu o
holocausto, facendo todo conforme o rito.
17Presentou a oblación, colleu dela unha
presa e queimouna no altar, amais do holo-
causto da mañá. 18Sacrificou tamén o boi e
mais o carneiro para o sacrificio de comu-
ñón do pobo, e os fillos de Aharón presen-
táronlle o sangue, que el verteu arredor en-
cima do altar. 19A graxa do boi e do carneiro,
o rabo, o unto que envurulla as entrañas, os
riles e a graxa do fígado 20puxéronos xunto
coa graxa dos peitos e Aharón fixo queimar
todo no altar. 21Aharón, facendo o xesto de
ofrecemento, abalou os peitos e o pernil
dereito de diante, como lle mandara facer
Moisés. 22Ergueu Aharón a súa man de cara
ao pobo e bendiciuno; e despois de ofrecer
o sacrificio de expiación e o sacrificio de co-
muñón, baixou.
23Deseguida entraron Moisés e Aharón
na Tenda do Encontro. Ao saíren, bendi-
ciron o pobo, e a gloria do Señor apare-
céuselle a todo o pobo. 24Xurdiu lume da
presenza do Señor e devorou sobre o altar
as graxas e o holocausto, á vista de todo
o pobo; entón reloucaron e prosternáronse
rostro en terra.

**8**, 35 O descoido de calquera das ordes prescritas era moi grave, e castigábase coa pena de morte.
**9** Este capítulo é moi probable que sexa máis antigo ca os anteriores. Despois da consagración sacerdotal de Aharón e de seus fillos, descríbese como exerceron o seu ministerio sen se afastaren das normas preceptuadas. Sublíñase a superioridade de Aharón sobre seus fillos, reservando para el algunhas funcións, coa intención de acentuar a primacía do Sumo Sacerdote no futuro.

### Castigo do primeiro pecado dos sacerdotes

**10** [1]Nadab e Abihú, fillos de Aharón, colleron cadanseu incensario, puxéronlles brasas, botáronlles incenso enriba e presentaron diante do Señor un lume profano, que non lles fora mandado. [2]Xurdiu da presenza do Señor unha labarada e devorounos e morreron alí na presenza do Señor. [3]Díxolle Moisés a Aharón: –Isto tíñavolo ben advertido o Señor con estas verbas: "Mostrarei a miña santidade nos que me están máis próximos, manifestarei a miña gloria diante dos ollos de todo o pobo".

Aharón calou. [4]Moisés chamou a Mixael e a Elsafán, fillos de Uziel, tío de Aharón, e díxolles: –Achegádevos e sacade a vosos irmáns de diante do santuario para fóra do campamento.

[5]Eles achegáronse, e leváronos coas súas túnicas postas fóra do campamento, como lles ordenara Moisés. [6]Díxolles Moisés a Aharón, a Elazar e a Itamar, os seus fillos: –Non despeiteedes os vosos cabelos nin rachedes os vosos vestidos, pois non morreredes nin se acenderá a ira do Señor contra a comunidade. Os vosos irmáns e toda a casa de Israel chorarán por causa do incendio que xurdiu diante do Señor. [7]Non vos afastedes da entrada da Tenda do Encontro e non morreredes, porque estades unxidos co óleo santo do Señor.

E fixeron como lles mandara Moisés.

### Normas de comportamento dos sacerdotes

[8]O Señor díxolle a Aharón: [9]–Non beberás viño nin ningunha outra cousa que poida embebedar, nin ti, nin os teus fillos, cando teñades que entrar na Tenda do Encontro, e non morreredes. Estatuto perpetuo para as vosas xeracións, [10]para que saibades diferenciar entre o sagrado e o profano, entre o impuro e o puro, [11]e para lles ensinardes aos fillos de Israel todas as leis, que o Señor lles deu por medio de Moisés.

[12]Moisés díxolles a Aharón e a Elazar e Itamar, os seus fillos superviventes: –Collede o que resta das oblacións do Señor, que non se queimou, e comédeo sen levedar ao pé do altar, porque é unha cousa sacrosanta. [13]Tedes que a comer no lugar sagrado, pois é a porción que che toca a ti e aos teus fillos, dos holocaustos do Señor, porque esa foi a miña orde. [14]Tamén o peito e o pernil dianteiro ofrecidos terédelos que comer no lugar puro ti, os teus fillos e as túas fillas contigo, por ser a parte que che toca a ti e a teus fillos dos sacrificios de comuñón, que doaron os fillos de Israel. [15]O pernil dianteiro e o peito ofrendados serán pasados por enriba do lume no que arden as graxas, abalándoos ritualmente na presenza de Iavé, e pertencerán a ti e aos teus fillos. Lei perpetua, como mandou o Señor.

[16]Moisés preguntou a fondo acerca do chibo expiatorio e soubo que fora queimado. Alporizouse moitísimo Moisés contra Elazar e Itamar, fillos superviventes de Aharón, e dixo: [17]–Por que non comestes a oblación expiatoria no lugar sagrado, pois é cousa sacrosanta que vos dei eu para que arrincásedes a culpa da comunidade, expiando por ela diante do Señor? [18]Xa que o sangue non foi levado dentro do santuario, era a vosa obriga comela no lugar sagrado, como volo tiña mandado.

[19]Aharón explicoulle a Moisés: –Hoxe ofreceron a súa oblación expiatoria e o seu holocausto diante do Señor e aconteceume todo isto. Se eu comese neste día a oblación expiatoria, sería isto agradable aos ollos do Señor?

[20]Escoitou Moisés a explicación e pareceulle ben.

## PARTE TERCEIRA
## REGRAS DA PUREZA LEGAL

### Animais puros e impuros

**11** [1]Faloulles o Señor a Moisés e a Aharón: [2]–Faládelles aos fillos de Israel e dicídelles: Estes son os animais que poderedes comer de entre todos os cuadrúpedes da terra: [3]todo o que ten o pé rachado e mais a uña fendida e que remoe, podédelo comer. [4]Pero de entre os que remoen ou teñen as

**10**, 3 A santidade de Deus, é dicir, o seu poder infinito e a súa pureza total, que non se pode profanar con nada que vaia contra a súa vontade.
**10**, 5 O lume matounos pero non os queimou, pois conservan os vestidos que tiñan postos.
**10**, 14 Estas partes do sacrificio tamén as poden comer as fillas dos sacerdotes, en contra do que se mandaba no **6**, 11 acerca da oblación, que só a podían comer os homes.
**10**, 16ss Parece que había dúbida sobre se estaba permitido ou non comer a carne do chibo expiatorio. As carnes sacrificadas polo pecado do pobo tiñan que ser totalmente destruídas, xa que dalgunha maneira asumían o pecado, no que participaban tamén os sacerdotes.
**11**, 2 Estas leis referentes aos animais puros ou impuros son moi antigas e teñen a finalidade de educar a xente, tamén por razóns de hixiene. Eran impuros os animais consagrados polos pagáns aos seus deuses e tamén os que lles eran noxentos aos xudeus; por iso coidaban que tamén lle repugnaban a Iavé.

uñas fendidas, non poderedes comer o camelo, que, aínda que remoe, non ten a uña fendida: será impuro para vós. [5]O coello, que remoe, pero non ten o pé fendido, é impuro para vós. [6]A lebre, que remoe, pero non ten o pé fendido, é impura para vós. [7]O porco, que ten o pé rachado e a uña fendida, pero non remoe, é impuro para vós. [8]Non comeredes da súa carne nin tocaredes o seu cadáver: son impuros para vós. [9]De entre os que viven na auga podedes comer aqueles que teñen aletas e escamas, tanto que sexan de mar coma de río. [10]Pero os que non teñen escamas, tanto de mar coma de río, todo réptil acuático e todo ser que vive na auga, serán abominación para vós. [11]Serán abominables para vós, non probaredes a súa carne e teredes noxo dos seus cadáveres. [12]Todo o que non ten aletas nin escamas, será abominación para vós.

[13]Teredes noxo e non comeredes de ningunha das seguintes castes de aves: a aguia, o voitre barbudo, a aguia de mar, [14]o voitre, o falcón de calquera caste, [15]todas as castes de corvos, [16]a avestruz, a curuxa, a gaivota e todas as castes de gabián, [17]o moucho, o mergullón e o ibis; [18]o cisne, o pelicano e a grúa, [19]a cegoña e toda caste de garza, a bubela e o morcego.

[20]Todo insecto con ás, que anda en catro patas, será abominable para vós. [21]Con todo, de entre os que voan, poderedes comer soamente aqueles que amais dos catro pés teñen patas para choutar polo chan. [22]Os que poderedes comer son: toda caste de lagostas, de saltóns, cabaliños e grilos. [23]Calquera outro insecto con ás e de catro patas será abominable para vós.

[24]Os seguintes animais contaminan: calquera que toque o cadáver dalgún destes bechos quedará impuro ata a tarde. [25]Aquel que leve ao lombo o cadáver dalgún deles, terá que lavar o seu vestido e quedará impuro ata a tarde. [26]Todo vivente de pata con uña non fendida na punta do seu pé e que non remoe, será impuro para vós. Quen o toque, quedará impuro. [27]De entre os cuadrúpedes serán impuros para vós todos os plantígrados. Quen toque o cadáver dalgún deles, quedará impuro ata a tarde. [28]O que leve ao lombo o cadáver deles, terá que lavar o seu vestido e quedará impuro ata a tarde.

[29]De entre os réptiles serán impuros para vós os que se arrastran polo chan: a donicela, o rato e toda caste de lagartas. [30]O ourizo, o camaleón, o lagarto, a tartaruga e a toupa. [31]Estes serán impuros para vós. Quen toque o cadáver dalgún deles, quedará impuro ata a tarde. [32]E todo aquilo no que caia o cadáver dalgún deles, será impuro. O mesmo que sexa un obxecto de pau coma de tecido, de coiro ou de esparto. En resumo, calquera obxecto que sirva para algo, terá que ser metido na auga e quedará impuro ata a tarde. Despois será puro. [33]Se cae dentro dun cacharro de barro, todo canto teña nel faise impuro e o cacharro terá que ser escachado. [34]Calquera alimento cociñado con auga no cacharro será impuro, e todo líquido potable que haxa dentro do cacharro será impuro. [35]Todo aquilo no que caia o cadáver dalgún destes, farase impuro. Tanto o forno, coma o trespés terán que ser destruídos. Son impuros e como tales os habedes de ter. [36]Con todo, as fontes e as cisternas, é dicir, os depósitos de auga, serán puras, a non ser que as toque algún cadáver destes, que as fará impuras. [37]Se algún destes cadáveres cae enriba dunha semente para sementar, a semente quedará pura. [38]Pero se o gran está mollado e cae enriba del un cadáver destes, quedará impuro para vós. [39]Se morre un animal do que se pode comer a carne, e alguén toca o seu cadáver, quedará impuro ata a tarde. [40]O que coma dese cadáver, terá que lavar o seu vestido e quedará impuro ata a tarde; o que leve ao lombo o cadáver, terá que lavar o seu vestido e quedará impuro ata a tarde.

[41]Todo réptil que anda a rastro polo chan, será abominable: non se pode comer, [42]quen ande a rastro polo chan, quen ande en catro ou máis patas, de cantos se arrastran polo chan en ningún caso comeredes, por ser unha abominación. [43]Non vos contaminedes con ningún réptil, que se arrastra, non vos fagades impuros con el. [44]Pois eu son o Señor, o voso Deus: santificádevos para serdes santos, porque eu son santo. Non vos contaminedes con ningún réptil que se arrastra polo chan. [45]Eu son o Señor que vos fixen subir do país

**11**, 5 *O coello* mastiga movendo o fociño, e semella remoer, por iso se ten por "animal que remoe".

**11**, 13ss Algúns animais que se mencionan, non hai seguridade de que sexan nomeados correctamente. Para o coñecedor do hebreo, sería doado ter os nomes da Biblia hebrea; pero iso sería peor para o lector común.

**11**, 22 Enumera catro castes de saltóns, máis grandes, que adoitaba comer a xente pobre, como S. Xoán Bautista (Mt **3**, 4; Mc **1**, 6).

**11**, 25ss Non só estaba vedado comelos, senón que nin sequera se podían tocar sen contaminarse e facerse impuro.

de Exipto, para ser o voso Deus: tedes que ser santos, pois eu son santo. 46Esta é a lei referente aos cuadrúpedes, ás aves, a toda caste de bechos que viven na auga ou andan a rastro polo chan.

47Saberedes diferenciar entre o puro e o impuro e entre os animais que se poden comer e os que non se poden.

### Purificación da que deu a luz

**12** 1Faloulle o Señor a Moisés: 2–Fálalles aos fillos de Israel e dilles: A muller que xerou e deu a luz un fillo home, quedará impura por sete días. Neste tempo manterase separada, coma nos días da menstruación: será impura. 3No oitavo día será circuncidado o meniño, 4e durante trinta e tres días ela seguirase purificando do sangue. Non tocará cousa sagrada, nin entrará no lugar santo, ata que pasen todos os días da súa purificación. 5Se deu a luz unha filla, quedará impura durante dúas semanas, coma na súa menstruación, e seguirase purificando do sangue durante outros sesenta e seis días. 6Pasados os días da súa purificación polo fillo ou pola filla, presentará á porta da Tenda do Encontro, como holocausto, un año dun ano e un pombiño ou unha rula, como oblación polo pecado. Darallos ao sacerdote, 7que os ofrecerá diante do Señor e expiará por ela e quedará purificada. Esta é a lei para a muller que deu a luz un fillo ou unha filla. 8Se a muller, porén, non tivese ovellas abondo, ofrecerá dúas rulas ou dous pombiños: un como holocausto e outro como vítima expiatoria. O sacerdote expiará por ela e quedará purificada.

### Diferentes castes de lepra humana

*1. Inflamación, furuncho e mancha*

**13** 1O Señor faloulles a Moisés e a Aharón: 2–Cando a un lle apareza na pel do seu corpo unha inflamación, un furuncho ou unha mancha abrancazada brillante, que se converte nunha chaga de lepra, será levado a Aharón, o sacerdote, ou a un dos seus fillos sacerdotes. 3O sacerdote examinará a chaga que aparece na pel do corpo. Se ve que afonda na carne e que o pelo do sitio da chaga branquexou, de seguro que é lepra. Os sacerdotes testemuñarán e declararano impuro. 4Mais se a mancha da pel fose abrancazada, pero non aparece máis fonda ca o resto da pel e o pelo non branquexou, o sacerdote fará illar o enfermo durante sete días. 5E examinarao o sacerdote no día sétimo; e se, ao seu parecer, remite a infección sen se estender pola pel adiante, hao recluír por outros sete días. 6Volverao mirar de novo o sacerdote no día sétimo e se comproba que a chaga parou e non se estendeu na pel, o sacerdote declararao puro do mal da lepra. Faralle lavar os seus vestidos e quedará puro. 7Pero se, despois de o mirar o sacerdote e de o declarar puro, a chaga medrou na pel, terá que ser examinado outra vez polo sacerdote. 8Se ao miralo ben o sacerdote, ve que a chaga se estendeu na pel, declararao impuro: é un caso de lepra nalgunha das súas castes.

*2. Lepra enraizada*

9Cando a alguén se lle vexa unha chaga coma de lepra, será levado ao sacerdote. 10O sacerdote examinaraa: se observa un tumor abrancazado na pel, se a cor do pelo se torna abrancazada e aparece a chaga en carne viva, 11de seguro que é lepra xa vella na pel e na carne. O sacerdote declararao impuro e non o fará encerrar, pois é impuro. 12Pero se a lepra se estendeu por toda a pel e cubriu todo o corpo do enfermo, da cabeza aos pés, naquelas partes que están á vista do sacerdote, 13este examinarao: se ve que a lepra cobre todo o corpo, declararao puro da chaga, tornouse todo branco, é puro. 14Pero cando apareza nel unha chaga en carne viva, quedará impuro. 15Tan axiña como o sacerdote vexa a ferida en carne viva, declararao impuro, pois a carne viva é impura, de seguro que é lepra. 16Pero se a chaga en carne viva desaparece e se torna branca, o infectado irá ao sacerdote. 17O sacerdote examinarao e, ao ver que a chaga se tornou branca, declararao puro da chaga, o home é puro.

**12** Estas normas obedecen a concepcións antigas, que arredaban do culto a calquera que tivese contacto con mulleres que por unha ou outra causa padecían fluxo de sangue. A lei de purificación despois do parto dun meniño ou dunha meniña é a mesma, pero o tempo que ten que durar é dobre no caso da meniña. Tal vez se deba a que se pensaba que foi por Eva por onde entrou o pecado conforme o relato de Xén **3**, ou tamén pola suposta maior debilidade da muller. A categoría social da muller naquel tempo era mínima e a diferenza coa do home era moito máis grande do que hoxe en día.

**13** A lepra foi considerada como unha enfermidade da pel, que non tiña cura e ademais era contaxiosa. Por iso estas normas de illamento e identificación han de ser respectadas por todos e soamente os sacerdotes poden declarar a súa verdadeira natureza. A identificación da clase de lepra ten menos importancia médica ca relixiosa, pois considerábase como castigo por algún pecado. Ao desaparecer, era sinal de que se perdoara o pecado e podíase purificar por medio dos ritos e sacrificios prescritos.

*3. Furuncho*

18Cando alguén tivo na pel un furuncho e
sandou, 19se no sitio do furuncho aparece un
tumor abrancazado ou unha mancha abranca-
zada avermellada, presentarase ao sacerdote.
20O sacerdote mirarao. Se a mancha aparece
máis fonda na pel e o seu pelo se tornou bran-
co, o sacerdote declararao impuro: é chaga
de lepra, que se fixo no furuncho. 21Pero se ao
examinala, o sacerdote ve que non hai nela
pelo branco nin é máis fonda ca a pel, e pola
contra, a chaga aparece máis escura, o sacer-
dote farao encerrar durante sete días. 22Se, ao
cabo deles, a chaga segue medrando na pel
sen deterse, o sacerdote declararao impuro,
pois é lepra. 23Pero se a chaga segue no seu
sitio e deixa de medrar e a brancura non se
estende, é un furuncho curado, o sacerdote
declararao puro.

*4. Queimadura*

24Se no corpo de alguén houbo unha quei-
madura de lume e aparece a carne viva no
pelado, tornándose branco avermellado, ou
soamente branco, 25examinarao o sacerdo-
te. Se o pelo torna branco e a chaga aparece
máis fonda ca a pel, seguro que é lepra, que
se formou na queimadura. O sacerdote de-
clararao impuro: é chaga de lepra. 26Pero se
ao examinala, o sacerdote ve que non naceu
pelo branco na mancha nin é máis fonda ca a
pel e soamente perdeu un pouco a cor, o sa-
cerdote farao encerrar durante sete días. 27No
día sétimo examinarao o sacerdote. Se ve que
se espallou pola pel, declararao impuro: de
seguro que é lepra. 28En troques se a mancha
deixou de medrar, non se estendendo pola pel
e a súa cor se tornou pálida, é a bostela da
queimadura. O sacerdote declararao puro: é
soamente a cicatriz da queimadura.

*5. Chagas no coiro cabeludo*

29Cando un home ou unha muller teña
unha chaga na cabeza ou na barba, 30exa-
minará ben a ferida o sacerdote. Se aparece
máis fonda ca a pel e ten o pelo amarelo e
máis raro, será declarado impuro polo sacer-
dote. Ten a tiña, é lepra da cabeza ou da bar-
ba. 31Pero se o sacerdote ao examinar a chaga
da tiña, esta non aparece máis fonda ca a pel,
nin hai nela pelo renegrido, o sacerdote fará
encerrar durante sete días ao que ten a chaga.
32No sétimo día o sacerdote volverá examinar
a chaga. Se non se estendeu nin aparece pelo
amarelo e a chaga non aparece máis fonda
ca a pel, 33o enfermo farase rapar todo, agás
o sitio da tiña, e o sacerdote farao encerrar
durante outros sete días. 34No día sétimo o
sacerdote examinará de novo a chaga. Se non
se estendeu nin aparece máis fonda ca a pel,
o sacerdote declararao puro e, despois de la-
var o seu vestido, quedará puro. 35Se a chaga
se estende na pel, despois de ser declarado
puro, 36o sacerdote examinarao de novo. Se
aparece na pel a chaga, non precisa o sacer-
dote examinar se o pelo é amarelo: é impuro.
37Pero se, ao seu xuízo, a chaga non se esten-
deu e no sitio nace pelo negro, entón a chaga
curou: é puro. O sacerdote declararao puro.

38Cando a un home ou a unha muller lles
aparezan na pel manchas albeiras, 39que lle-
las examine o sacerdote. Se na pel del ou dela
aparecen manchas entre escuras e pálidas,
trátase dunha afección lixeira, que xurdiu na
pel: é puro. 40Cando a un home lle cae o pelo
da súa cabeza, queda calvo, pero é puro. 41Se
lle cae o pelo da parte dianteira da súa cabe-
za, é calvo na fronte, pero é puro. 42Pero se
na parte calva, ben de toda a cabeza, ben da
parte de diante, aparece unha mancha albei-
ra e avermellada, é unha lepra que lle naceu
nos sitios pelados. 43O sacerdote examinarao
e se o sitio da chaga aparece de cor albeira
avermellada, sexa na parte calva da cabeza,
sexa na parte de diante, semellante á cor da
chaga da lepra da pel do corpo, 44trátase dun
home contaxiado de lepra: é impuro, e así o
deberá declarar o sacerdote. Ten a lepra na
cabeza.

### Comportamento do leproso

45O enfermo de lepra andará coa roupa es-
gazada e a cabeza descuberta. En troques ta-
pará cun veo a súa barba, e irá gritando: "Im-
puro, impuro!". 46Todo o tempo que lle dure
a chaga será considerado impuro, porque o
é, e vivirá arredado, fóra do campamento da
súa morada.

### Lepra nos vestidos

47O vestido no que apareza unha mancha
de lepra, tanto se o vestido é de la coma de
liño, 48sexa no urdido, ou no tecido do liño
ou da la, ou nunha pelica, ou en calquera
peza de coiro para vestirse, 49e se a mancha
no vestido ou na pelica ou no urdido ou no

**13**, 31 *Pelo renegrido*. O texto hebreo pon "negro". No v. 32 fala de pelo amarelo, por iso quizais a palabra "renegrido" podía ser a máis axeitada.

tecido ou en calquera peza de coiro é verdosa ou avermellada, trátase de mancha de lepra. Terá que ser examinado polo sacerdote. [50]O sacerdote examinará a mancha e fará pechar o obxecto contaxiado durante sete días. [51]No día sétimo volverao mirar o sacerdote. Se ve que a mancha se estendeu no vestido ou no urdido ou no tecido ou na pelica ou en calquera peza de coiro para se vestir, a mancha é lepra maligna: o obxecto é impuro. [52]Queimarase o vestido ou o urdido ou o tecido de la ou de liño ou calquera peza de coiro no que estea a mancha, pois é lepra corrosiva: será queimado no lume. [53]Pero se, ao examinala o sacerdote, non se estendeu a mancha no vestido, ou no urdido, ou no tecido ou na peza de coiro, [54]o sacerdote ordenará que se lave o obxecto contaminado e volverao encerrar durante outros sete días. [55]Tornará a examinar a mancha o sacerdote, despois desta lavadura. Se, ao seu xuízo, a mancha non cambiou de cor nin se espallou, será impuro, o obxecto terá que ser queimado no lume, porque está corroído polo dereito e polo revés. [56]Pero se, ao mirala o sacerdote, a mancha, despois da lavadura, aparece descorada, esgazaraa do vestido ou da pelica ou do urdido ou do tecido. [57]Se aínda despois da lavadura se ve que no vestido ou no urdido ou no tecido ou na peza de coiro a mancha se estendeu, terá que ser queimado no lume o obxecto manchado. [58]O vestido, ou o urdido ou o tecido ou a peza de coiro que, ao lavalo, lle desaparece a mancha, lavarase outra vez, e será puro.

[59]Esta é a lei acerca da mancha de lepra no vestido de la ou de liño ou no urdido ou no tecido ou en calquera peza de coiro, cando teña que ser declarada pura ou impura.

### Purificación do leproso

**14** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Esta é a lei que rexerá para purificar o leproso. Será presentado ao sacerdote. [3]O sacerdote sairá fóra do campamento a esperalo e examinarao. Se a mancha da lepra desapareceu do enfermo, [4]mandará o sacerdote que o que se quere purificar presente dúas aves vivas puras, pau de cedro, la escarlata e hisopo. [5]O sacerdote fará matar unha das aves, recollendo o sangue nun vaso de barro con auga corrente; [6]collerá logo a ave viva, o pau de cedro, a la escarlata e o hisopo, xunto coa ave e mergullaraos co sangue da ave sangrada sobre a auga corrente. [7]Hisopará sete veces ao que se quere purificar da lepra e, despois de o purificar, deixará voar ceibe o paxaro vivo polo aire do campo. [8]O que se purificou, lavará a súa roupa, rapará todo o seu pelo e lavarase na auga, quedando puro de novo. Poderá entrar logo no campamento, pero terá que morar fóra da súa tenda durante sete días. [9]Ao cabo do día sétimo rapará outra vez todo o seu pelo, da cabeza, da barba, das sobrecellas; en resumo rapará todos os pelos, lavará os seus vestidos, bañará todo o seu corpo en auga e quedará puro. [10]No día oitavo collerá dous años sen chata e unha ovelliña dun ano sen chata e tres décimos de flor de fariña, mesturada con aceite, como oblación, e un cuarteirón de aceite. [11]O sacerdote, que fai a purificación, presentará todo isto, xunto co que se vai purificar, diante do Señor na entrada da Tenda do Encontro. [12]Deseguida o sacerdote collerá un dos años e ofrecerao como expiación xunto co cuarteirón de aceite e, abalándoos ritualmente, presentaraos diante do Señor. [13]Sacrificará o año no lugar en que se adoita facer a expiación e mais o holocausto, isto é, no lugar sagrado, porque tanto o sacrificio de purificación coma o de expiación, son cousas santísimas, e pertencen ao sacerdote. [14]Despois o sacerdote collerá do sangue da vítima de reparación e untará o lóbulo da orella dereita do que se vai purificar, o dedo polgar da man dereita e a deda do pé dereito. [15]Collerá logo o sacerdote do cuartillo de aceite e verterao na palma da súa propia man esquerda. [16]Mollará os dedos da súa man dereita no aceite que vertera na palma da súa man esquerda e asperxerá sete veces diante do Señor co aceite dos dedos. [17]Do resto do aceite que sobrou na palma da súa man, porá unha parte no lóbulo da orella dereita do que se vai purificar, no dedo polgar da man dereita do mesmo e na deda do pé dereito, enriba do sangue da vítima. [18]O resto do aceite que lle quede na palma da man, verterao o sacerdote sobre a cabeza do que se vai purificar. Deste xeito fará a expiación por el diante do Señor. [19]Deseguida o sacerdote fará o sacrificio de expiación, para lle quitar a impureza ao que se vai purificar, e no cabo

**14**, 4ss Recolle un rito de purificación arcaico, no que o paxaro que se deixa voar ceibe (v. 7) leva simbolicamente a enfermidade do leproso curado, que quedaba autorizado para a convivencia e para a participación no culto.
**14**, 10-32 É un ritual moito máis recente.

ofrecerá o holocausto. [20]Ofrecido polo sacerdote o holocausto e feita a oblación no altar, o sacerdote fará a expiación por el e quedará purificado.

[21]Se o leproso fose pobre e non tivese posibles para ofrecer todo isto, presentará un só año para o sacrificio de reparación, para abalar ritualmente, co fin de facer reparación por si, amais dunha décima de flor de fariña, mesturada con aceite, como oblación, e un cuartillo de aceite máis; [22]dúas rulas ou dous pombiños, conforme o que dispoña: un como sacrificio expiatorio e o outro como holocausto. [23]No día oitavo levarallos ao sacerdote á entrada da Tenda do Encontro, para se purificar diante do Señor. [24]O sacerdote collerá o año para o sacrificio de expiación e o cuartillo de aceite e fará con eles o xesto de ofrecemento diante do Señor. [25]Despois de sacrificar o año do sacrificio de expiación, o sacerdote collerá do sangue da vítima, e untará o lóbulo da orella dereita do que se vai purificar e os dedos polgares da man e do pé dereitos. [26]Logo verterá parte do aceite na palma da súa man esquerda, [27]e, cos dedos da man dereita mollados no aceite vertido na palma da man esquerda, asperxerá sete veces diante do Señor. [28]Despois o sacerdote untará co aceite que lle queda na palma da súa man o lóbulo da orella dereita do que se vai purificar, o dedo polgar da man dereita e a deda do pé dereito, no mesmo sitio que untara co sangue da vítima de reparación. [29]O resto do aceite que aínda lle quede na palma da súa man, verterao o sacerdote sobre a cabeza do que se vai purificar, para expiar por el diante do Señor. [30]Con cada unha das rulas ou dos pombiños, conforme o que dispoña, [31]ofrecerá un como expiación polo pecado e o outro como holocausto, amais da oblación. Deste xeito o sacerdote expiará diante do Señor polo que se vai purificar. [32]Esta é a lei para quen teña lepra e non tivese posibles precisos para a súa purificación normal.

### A lepra das casas

[33]Faloulles o Señor a Moisés e a Aharón: [34]–Cando teñades entrado na terra de Canaán, que vos vou dar eu para posesión vosa, e cando castigue eu cunha infección de lepra algunha casa desa terra da vosa posesión, [35]o dono da casa irallo notificar ao sacerdote, dicindo: "Coido que na miña casa apareceu unha infección coma de lepra". [36]O sacerdote, antes de entrar para examinar a infección, fará baldeirar a casa, para que nada do que hai dentro se faga impuro, e entrará logo para facer o exame da casa. [37]Se albisca a infección vendo negrexar as paredes da casa, ou aparecen manchas verdosas ou avermelladas e pequenos buraquiños nelas, [38]sairá o sacerdote ata a entrada da casa e mandaraa pechar durante sete días. [39]No día sétimo o sacerdote volverá examinala. Se olla que a infección se estendeu polas paredes da casa, [40]mandará arrincar as pedras contaminadas e faraas tirar fóra da cidade nun lugar impuro. [41]Fará raspar a casa toda arredor e botar o po raspado fóra da cidade nun lugar impuro. [42]Collerán outras pedras e meteranas no sitio das arrincadas, e botaranlles outro barro ás paredes. [43]Se a infección se estendeu de novo pola casa, malia arrincar as pedras e alisar as paredes con outro barro, [44]o sacerdote entrará para examinala. Se a infección se propagou pola casa, trátase de infección de lepra corrosiva na casa. Será impura. [45]Mandará derrubar a casa e fará arredar para un lugar impuro, fóra da cidade, as pedras, as madeiras e o barro todo das paredes. [46]Cantos entraran na casa, durante os días que estivo pechada, fixéronse impuros ata a noite. [47]Os que durmiron na casa, terán que lavar a súa roupa, e os que comeron nela, tamén terán que lavar a súa roupa.

[48]Con todo, se o sacerdote ao entrar olla que a infección non se estendeu na casa, despois que foron alisadas as paredes, declárea pura, porque desapareceu a súa infección. [49]Para purificar a casa da infección, colla dúas aves, un pau de cedro, la escarlata e hisopo. [50]Matará unha das aves desangrándoa nun vaso de barro con auga corrente; [51]collerá o pau de cedro, o hisopo, a la escarlata e a ave viva, mergullaraos no sangue da ave sangrada na auga corrente e asperxerá a casa sete veces. [52]Purificará a casa da súa infección co sangue da ave coa auga corrente, a ave viva, o pau de cedro, o hisopo e a la escarlata. [53]Deixará en liberdade o paxaro vivo, voando polo campo, fóra da cidade. Así fará a expiación da casa e quedará pura.

[54]Esta é a lei de toda infección de lepra ou de tiña, [55]da lepra dos vestidos, ou da casa, [56]de furunchos, de inflamacións e de manchas, [57]para saber cando unha persoa ou unha cousa é pura ou impura. Esta é a lei acerca da lepra.

**14**, 49 Cf nota aos vv. 4ss.

**Pureza sexual**

**15** [1]Faloulles o Señor a Moisés e Aharón:
[2]–Faládelles aos fillos de Israel e
dicídelles: Calquera que padeza gonorrea,
será impuro pola súa secreción. [3]Esta será
a súa impureza por mor da súa secreción,
tanto se fose exterior como se quedase reti-
da: será impuro. [4]Todo leito no que se deite
o enfermo de gonorrea, será impuro; e todo
banco no que se sente, será impuro. [5]Cal-
quera que toque o seu leito, terá que lavar a
súa roupa e bañarase, quedando impuro ata
a tarde. [6]Quen se sente no banco no que se
sentou o que padece a enfermidade, lavará a
súa roupa e bañarase en auga: quedará im-
puro ata a tarde. [7]O que toque o corpo do
que padece o fluxo, lavará a súa roupa e ba-
ñarase: quedará impuro ata a tarde. [8]Cando
o que padece fluxo cospe contra unha persoa
pura, esta terá que lavar a súa roupa e ba-
ñarse en auga e quedará impura ata a tarde.
[9]Calquera que monte no cabalo no que mon-
tara o contaxiado de gonorrea, será impuro.
[10]Calquera que toque algunha cousa que es-
tivo debaixo del, será impuro ata a tarde; e,
o que as leve ao lombo, lavará a súa roupa
e bañarase en auga, quedando impuro ata a
tarde. [11]Todo aquel a quen toque o enfermo
sen lavar ben as súas mans, lavará a súa rou-
pa, bañarase en auga, quedando impuro ata
a tarde. [12]O vaso de barro que teña tocado o
infectado será esnaquizado e todo obxecto
de pau deberá ser lavado con auga. [13]Cando
o enfermo de gonorrea sexa purificado da
súa impureza, contará para si sete días desde
a súa purificación: lavará a súa roupa, bañá-
rá o seu corpo en auga corrente e quedará
puro. [14]No día oitavo collerá dúas rulas ou
dous pombiños, irá diante do Señor á entra-
da da Tenda do Encontro e entregarallos ao
sacerdote. [15]O sacerdote fará cun deles o sa-
crificio expiatorio e co outro un holocausto,
expiando por el ante o Señor, por causa da
súa gonorrea.

[16]O home que teña unha polución, lave con
auga todo o seu corpo e quedará impuro ata a
tarde. [17]Calquera tecido ou pelica na que caia
seme, será lavada con auga e quedará impura
ata a tarde.

[18]Cando un home e unha muller teñen re-
lacións sexuais, lavaranse con auga e que-
darán impuros ata a tarde. [19]A muller que
teña a menstruación, será illada durante sete
días. Calquera que a toque, quedará impuro
ata a tarde. [20]Calquera que se deite onde es-
tivo ela durante o seu illamento, será impu-
ro; e quen se sente no mesmo sitio, quedará
impuro. [21]Calquera que toque no leito dela,
lavará a súa roupa, bañarase en auga e que-
dará impuro ata a tarde. [22]Quen toque nas
cousas nas que se sentou ela, lavará a súa
roupa, bañarase en auga, e quedará impuro
ata a tarde. [23]E quen se sente sobre o leito
ou enriba de algo no que ela se sentou, con
tal que o toque quedará impuro ata o serán.
[24]Pero, se un home se deita con ela, mentres
está ela no tempo do seu fluxo, quedará im-
puro durante sete días e todo o leito no que
se deitaron quedará impuro. [25]A muller que
padeza fluxo de sangue moitos días fóra dos
que acostuma, ou que ten fluxo ademais do
da menstruación, todos os días do fluxo será
impura, coma nos días da menstruación.
[26]O leito no que se deita todos os días do
seu fluxo, será para ela coma o leito da súa
menstruación e toda cousa na que se sente
será impura coma na impureza do tempo do
seu illamento. [27]Calquera que a toque, será
impuro, terá que lavar a súa roupa, bañarse
en auga e quedará impuro ata a tarde. [28]Se
se purifica do seu fluxo, contará para si sete
días e despois quedará pura. [29]No día oita-
vo collerá dúas rulas ou dous pombiños e
levarallos ao sacerdote á entrada da Tenda
do Encontro. [30]O sacerdote fará con un de-
les o sacrificio expiatorio e co outro o holo-
causto. Fará a expiación por ela diante do
Señor, por causa da impureza do seu fluxo.
[31]Arredaredes os fillos de Israel da súa im-
pureza, para non morrerdes por culpa dela,
nin profanardes o meu tabernáculo, que está
no medio voso.

[32]Esta é a lei acerca do que padece go-
norrea ou ten polución que o fagan impu-
ro, [33]acerca da que está coa menstruación: é
dicir, de todo aquel que padece fluxo, sexa
home ou muller, e de todo home que se deite
cunha muller impura.

**15**, 2 Os pobos antigos manifestan un fondo respecto por todo o que se relaciona co sexo, coa orixe da vida, e coa conservación da mesma. A iso se encamiñan estas normas de pureza ou impureza sexual. Non se afirma que o sexo como tal sexa impuro, mais ben se considera un gran don de Deus, que é preciso gardar e defender daqueles usos que non teñen en conta a súa dignidade e o subordinan a intereses económicos ou de mero pracer.
**15**, 31 A importancia que se lle recoñece a todo isto queda reflectida na pena de morte coa que se castiga ao infractor das normas, cando, así contaminado, ousa achegarse ao santuario para participar no culto.

**O día grande da expiación**

**16** [1]O Señor faloulle a Moisés despois da morte dos dous fillos de Aharón, que morreran ao se aproximaren diante do Señor. [2]Díxolle o Señor a Moisés: —Dille a Aharón, teu irmán, que non entre a toda hora no santuario, máis alá do veo, que está diante do propiciatorio que tapa a arca, para que non teña que morrer, porque me lle hei aparecer na nube enriba do propiciatorio. [3]Esta é a maneira como Aharón terá que entrar no santuario: Ofrecerá un xovenco para o sacrificio expiatorio e un carneiro para o holocausto. [4]Vestirá unha túnica sagrada de liño e calzóns tamén de liño no seu corpo, cinguirase cunha faixa de liño e envolverá a cabeza cun pano de liño. Vestirá estas roupas sagradas despois de bañar en auga todo o seu corpo. [5]Recibirá da comunidade de Israel dous chibos para o sacrificio expiatorio e un carneiro para o holocausto.

[6]Primeiro ofrecerá Aharón o xovenco polo propio pecado e polo da súa familia. [7]Collerá logo os dous chibos e poraos diante do Señor á porta da Tenda do Encontro. [8]Botará sortes sobre os dous chibos. Un tocaralle por sorteo ao Señor e o outro a Azazel. [9]Aharón ofrendará como sacrificio expiatorio o que lle tocou ao Señor. [10]E o que lle tocou a Azazel presentarao vivo diante do Señor, para expiar por el e mandarallo a Azazel ao deserto. [11]Entón presentará Aharón o xovenco polo pecado propio. [12]Despois collerá o incensario, cheo de brasas do lume que arde enriba do altar diante do Señor, e, enchendo as súas mans de incenso aromático moído, entrará con todo máis aló do veo. [13]Botará o incenso no lume diante do Señor, para que a nube do perfume envolva o propiciatorio, que está sobre a Arca do Testemuño, e non teña que morrer. [14]Despois collerá do sangue do xato e cos seus dedos asperxerá por riba da tapa do propiciatorio de cara ao abrente, e diante do propiciatorio asperxerá sete veces o sangue cos seus dedos.

[15]Matará o chibo expiatorio que lle toca ao pobo e levará o sangue do chibo desde o templo para detrás do veo. Fará con el o mesmo que fixera co sangue do xovenco, asperxendo enriba e por diante do propiciatorio. [16]Desta maneira purificará o santuario da impureza dos fillos de Israel e das súas prevaricacións e de todas as variedades dos seus pecados. Fará o mesmo coa Tenda do Encontro, situada no medio das impurezas deles. [17]Ninguén poderá estar na Tenda do Encontro, namentres el está dentro facendo a purificación do santuario, ata que saia despois de expiar por si, pola súa familia e por toda a comunidade de Israel. [18]Sairá de cara ao altar, que está diante do Señor, e fará a súa purificación: collerá do sangue do xovenco e do sangue do chibo e verterao arredor nas esquinas do altar. [19]Asperxerá enriba del o sangue cos dedos sete veces, purificándoo e santificándoo das impurezas dos fillos de Israel.

[20]Feita a purificación do santuario, da Tenda do Encontro e do altar, presentará o chibo vivo. [21]Aharón imporá as súas mans sobre a cabeza do chibo, confesando todas as prevaricacións e todas as iniquidades e todos os pecados dos fillos do Israel, cargándollos enriba da cabeza e despois mandarao, levado pola man dun home idóneo, para o deserto. [22]O chibo levará enriba de si todas as iniquidades para unha terra erma e o que o leve soltará o chibo no deserto.

[23]Despois Aharón entrará na Tenda do Encontro, espirá a roupa de liño que vestira antes de entrar no santuario e deixaraa alí. [24]Despois de bañar o seu corpo con auga no lugar santo e de vestir a súa roupa ordinaria, sairá e ofrecerá o seu propio holocausto e mais o do pobo: expiará por si mesmo e polo pobo, [25]queimando a graxa da vítima de expiación enriba do altar.

[26]O home que levou o chibo a Azazel, lavará a súa roupa, bañará o seu corpo con auga e despois diso poderá entrar no campamento.

**16**, 1 Faise lembranza explícita da morte repentina de Nadab e Abihú (cf **10**, 1-2) como castigo por non respectar as regras do culto. Dese xeito chama a atención acerca da gravidade que se lle atribúe a todo o referente ao santuario, onde non pode entrar nin sequera o sumo sacerdote, que o fará só unha vez cada ano e cunhas condicións moi precisas e solemnes. Heb **9**, 6-12 dános unha interpretación profunda referida ao sacrificio de Cristo, que entrou unha vez por sempre co propio sangue.

**16**, 8 *Azazel* parece ser o nome dun demo que os antigos hebreos e cananeos pensaban que habitaba no deserto, lugar sen vida, polo que Deus non se manifesta nel.

**16**, 13 Se o pontífice se atreve a ollar o propiciatorio da Arca, posta no lugar santísimo, sería unha falta de respecto, se non o cobre co fume do incenso, e que morrería a causa da infinita maxestade de Deus, que "se senta" enriba del, como se di en Éx **33**, 20; Xuí **13**, 22; Is **6**, 5.

**16**, 16 *A Tenda do Encontro* estaba situada no medio do campamento, contaminado polas súas impurezas. Por iso ten que ser purificada coma as outras partes do santuario.

**16**, 21 O xesto de estender as mans sobre o chibo é para significar a solidariedade do pobo con el. Transfírenselle os pecados: por iso se destruía, non se sacrificaba.

[27]O xovenco e mais o chibo do sacrificio expiatorio, dos que se introducira o sangue no santuario, para a expiación, serán levados fóra do campamento e queimaranse no lume o pelello, carne e excrementos. [28]Aquel que os queima lavará despois a súa roupa e bañará o seu corpo con auga. Despois diso poderá entrar no campamento.

[29]Esta será para vós unha lei perpetua: no sétimo mes, no día décimo do mes debédesvos mortificar e privarvos de facer ningún traballo, tanto os nativos coma os forasteiros, que peregrinan no medio de vós. [30]Porque é o día de vos purificardes, para quedar puros de todos os vosos pecados diante do Señor. [31]É un repouso solemne, debédesvos mortificar. É unha lei perpetua. [32]Fará a expiación o sacerdote que foi unxido, o que foi investido do sacerdocio en lugar de seu pai, e vestirá as roupas sagradas de liño, [33]purificará o santuario, a Tenda do Encontro e o altar. Expiará polos sacerdotes e por toda a xente da comunidade. [34]Será para vós estatuto perpetuo, para que todos os fillos de Israel se purifiquen unha vez por ano de todos os seus pecados.

E fíxose como lle mandara o Señor a Moisés.

## PARTE CUARTA
## LEI DA SANTIDADE

### Matanza de animais

**17** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Fálalle a Aharón e aos seus fillos e a todos os israelitas e dilles: Esta é a orde, que vos dá o Señor nestas palabras: [3]Todo israelita que mate un boi, un año ou unha cabra no campamento ou fóra do campamento, [4]sen o presentar antes na entrada da Tenda do Encontro, para o ofrecer en sacrificio ao Señor diante do seu tabernáculo, seralle imputado como delito de sangue por verter sangue. Ese home será exterminado do medio do seu pobo. [5]Por iso os israelitas han levar as vítimas que adoitan ofrecer no campo, presentalas ao sacerdote á entrada da Tenda do Encontro e ofrendalas ao Señor como sacrificio de comuñón. [6]O sacerdote asperxerá co sangue o altar do Señor, que está á entrada da Tenda do Encontro e fará queimar a graxa como aroma agradable para o Señor. [7]Non ofrecerán sacrificios aos sátiros cos que se prostitúen. Lei perpetua será esta para vós por todas as xeracións.

[8]Diraslles tamén: Todo individuo da familia de Israel ou dos estranxeiros que moran no medio de vós, cando ofrece un holocausto ou un sacrificio [9]e non o leva á porta da Tenda do Encontro, para o sacrificar en honor do Señor, será exterminado do medio do seu pobo. [10]Enfrontareime con calquera individuo da familia de Israel ou estranxeiro residente no medio voso, que coman sangue e exterminareinos do seu pobo. [11]Pois a vida do corpo está no sangue e eu dóuvolo para expiar con el sobre o altar polas vosas vidas. Porque é o sangue o que purifica a persoa. [12]Por esta razón díxenlles aos fillos de Israel: Nin vós nin os estranxeiros que moran convosco comeredes sangue. [13]Calquera israelita ou estranxeiro residente no medio de vós que cace algún animal ou ave dos que se poden comer e verte o seu sangue, deberao tapar con terra. [14]Pois, sendo a vida de toda carne o seu sangue, eu díxenlles aos fillos de Israel: Non comeredes o sangue de ningunha carne, porque a vida de toda carne é o seu sangue; quenquera que o coma será exterminado. [15]Toda persoa nativa ou estranxeira que coma da carne dun animal morto ou esnaquizado, lavará a súa roupa, bañarase en auga e quedará impuro ata a tarde; despois será puro. [16]Pero se non se lava nin baña o seu corpo, cargará coa súa culpa.

### Honestidade da vida matrimonial

**18** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Fálalles aos fillos de Israel e dilles: Eu son o Señor, o voso Deus. [3]Non vos comporte-

**17** Con este capítulo comeza o chamado código de santidade (cc. **17-23**), que, aínda que foi redactado nos derradeiros anos do exilio, contén leis do tempo da monarquía. Non temos idea clara do que significa este vocábulo "santidade". O concepto orixinal acena a separación, inaccesibilidade, transcendencia, que mete un respecto relixioso. Todo canto se mantén preto de Deus, participa da súa santidade: lugares, obxectos, persoas, tempos e, sobre todo, os sacerdotes e o pobo mesmo, no medio do que habita Iavé. Isto leva consigo a necesidade de "purificarse", para achegarse a Deus no culto. Isto, que no comezo era unha norma ritual, converteuse máis tarde en pureza de conciencia e en costumes xustos conformes coa lei moral.
**17**, 3 Toda matanza de animais reviste un carácter sagrado, por se verter sangue. Por iso non se podían matar sen os ofrecer antes a Deus.
**17**, 7 Non se permite sacrificar para ningún outro ser senón para Deus. Sería unha idolatría. *Ós sátiros* parece que eran o mesmo ca os chibos, que representaban xenios en forma de animal. Azazel era un deles.

des conforme os costumes de Exipto, onde morastes, nin vos afagades aos costumes de Canaán, onde vos vou facer entrar, nin vos guiedes alí polas súas leis. [4]Obedeceredes os meus mandamentos e cumpriredes os meus estatutos, acomodándovos a eles. Eu son o Señor, o voso Deus. [5]Aprenderedes os meus decretos e gardaredes os meus estatutos e viviredes neles cada un de vós. Eu son o Señor. [6]Ningún de vós se achegará a ningunha persoa consanguínea para lle descubrir a súa nudez. Eu son o Señor. [7]Non descubrirás a nudez de teu pai nin a de túa nai: pois ela é túa nai, non descubrirás a súa nudez. [8]Non descubrirás a nudez da muller de teu pai, pois é a nudez de teu pai. [9]Non descubrirás a nudez de túa irmá, filla de teu pai ou de túa nai: sexa nacida na casa ou fóra dela, non descubrirás a súa nudez. [10]Non descubrirás a nudez da filla de teu fillo, nin a da filla de túa filla, pois é a túa propia nudez. [11]Non descubrirás a nudez da filla dunha muller de teu pai, xerada polo teu pai: ela é túa irmá. [12]Non descubrirás a nudez da irmá de teu pai: ela é carne de teu pai. [13]Non descubrirás a nudez da irmá de túa nai: ela é carne da túa nai. [14]Non descubrirás a nudez do irmán de teu pai, é dicir, non te achegarás á muller del: ela é túa tía. [15]Non descubrirás a nudez da túa nora: é a muller do teu fillo; de ningún xeito descubrirás a súa nudez. [16]Non descubrirás a nudez da muller de teu irmán: é a nudez de teu irmán. [17]Non descubrirás a nudez dunha muller e da súa filla; nin lle collerás a filla dun fillo seu, nin a dunha filla súa, para descubrir a súa nudez, pois son do seu sangue. Sería unha infamia. [18]Non collerás a irmá da túa muller, pois faríala a súa rival; nin lle descubrirás a súa nudez mentres viva a túa muller. [19]Non te achegarás a ningunha muller nos días da súa menstruación, para lle descubrir a súa nudez. [20]Non te deitarás coa muller do teu próximo: faríaste impuro con ela. [21]Non permitirás que ningún dos teus descendentes adore a Molok, manchando o nome do teu Deus. Eu son o Señor. [22]Non te deitarás con ningún home, coma se fose muller: é unha abominación. [23]Non terás trato sexual con ningún animal: faríaste impuro con el. Ningunha muller se porá diante dun animal para se emparellar con el: é unha perversidade.

[24]Non vos contaminaredes con ningunha destas cousas, pois con todas estas cousas se contaminaron as xentes que vou expulsar eu de diante de vós. [25]Por teren contaminado o país, determinei castigar o seu pecado, de tal sorte que a mesma terra foi a que vomitou os seus habitantes. [26]Vós gardaredes os meus mandamentos e os meus estatutos e non faredes ningunha destas abominacións: nin os nativos nin os estranxeiros, que moran no medio de vós. [27]Pois todas estas abominacións cometeron os homes deste país, que tedes diante de vós e contaminaron a terra. [28]Que non vos teña que vomitar esta terra por contaminala, como trousou as xentes que a habitaron antes ca vós. [29]Calquera que cometa algunha destas abominacións será exterminado do medio do meu pobo, por facer tal cousa.

[30]Obedeceredes o que vos mando e xamais faredes cousa contraria aos meus estatutos verbo das abominacións que se cometeron antes de vós e non vos contaminaredes con elas. Eu son o Señor o voso Deus.

### Santidade de todo o pobo e de cada un

**19** [1]Díxolle o Señor a Moisés: [2]—Fálalle á comunidade dos fillos de Israel e dilles: Sede santos, porque santo son eu, o Señor, o voso Deus. [3]Cada un respecte a súa nai e a seu pai e garde os meus sábados. Eu son o Señor, o voso Deus. [4]Non tornaredes os ollos cara aos ídolos, nin vos fagades deuses de metal fundido. Eu son o Señor, o voso Deus. [5]Cando ofrezades un sacrificio de comuñón ao Señor, ofrecede unha vítima que sexa do voso gusto; [6]comerédela no mesmo día en que foi sacrificada ou no día seguinte. O que vos sobre para o día terceiro, queimarédelo no lume. [7]Se algún se atreve a comela no terceiro día, estaría xa corrompida: non será aceptable. [8]Quen coma dela, cargará coa súa iniquidade, por profanar unha cousa consagrada ao Señor: ese tal será exterminado do seu pobo.

**18**, 4 *Mandamentos* e *estatutos* son dous termos que adoitan andar xuntos nun sentido semellante.
**18**, 6 *A ningunha persoa consanguínea*: lit. “a carne do seu corpo”. O parentesco no mundo xudeu expresábase dicindo que tiñan a mesma carne, ósos ou sangue... Cf Xén **2**, 23.
**18**, 7-18 Prohíbese o incesto en todos os graos. *Descubrir a nudez* é un eufemismo que significa ter relacións sexuais, ou unha maneira despectiva de as nomear.
**18**, 20 O adulterio considérase como unha contaminación ritual, que fai “impuro” a quen o comete.
**18**, 21 Este texto parece aludir a un culto cananeo, no que tamén caeron os hebreos sacrificando meniños. Isto é abominable para Iavé.
**18**, 24 Fai depender deses pecados o exterminio de todos os pobos que habitaron Canaán antes dos israelitas. Son pecados moi graves.
**19**, 4 Ídolos, lit. “os nada”.

### Función social da propiedade e respecto polos bens alleos

9Cando fagades a seitura dos vosos campos, non seguedes todos os recantos do eido, nin fagades a rebusca das espigas caídas. 10Tampouco non farás a rebusca da túa viña, nin aproveitarás os acios. Serán para o pobre e o forasteiro. Eu son o Señor o teu Deus. 11Non roubaredes, nin negaredes o prestado e que ninguén engane ao seu próximo. 12Non xuraredes en falso no meu nome, sería aldraxar o nome do teu Deus. Eu son o Señor.

13Non oprimirás, nin espoliarás o teu próximo, nin reterás contigo o xornal do teu obreiro durante a noite ata a mañá. 14Non maldicirás ao xordo, nin lle porás atrancos ao cego: temerás o teu Deus. Eu son o Señor.

15Non serás inxusto cando xulgues: non favorecerás o feble nin honrarás o poderoso. Xulgarás con xustiza ao teu próximo. 16Non espallarás calumnias entre os teus conveciños, nin quedarás indiferente cando lle batan ao teu próximo. Eu son o Señor.

17Non terás odio de corazón ao teu irmán; e reprenderás con decisión o teu próximo, para non cargar co seu pecado. 18Non te vingarás nin lles terás xenreira aos teus veciños: amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Eu son o Señor.

19Gardade os meus estatutos. Non aparearás animais de especies diferentes, nin sementarás no teu eido sementes diferentes, mesturándoas, nin vestirás roupas tecidas con fíos distintos de la e de liño. 20Se un home se deita cunha muller e se ela é escrava e está casada con outro home e non foi redimida aínda nin se lle deu a liberdade, serán azoutados ambos; pero non morrerán, por non estar aínda redimida. 21Terá que presentar ao Señor polo seu delito, diante da Tenda do Encontro, un carneiro para o sacrificio de reparación. 22Mediante o carneiro polo delito, o sacerdote expiará por el diante do Señor pola culpa contraída e seralle perdoado o pecado cometido.

23Cando deades entrado na terra prometida e plantedes calquera caste de árbores para comer, durante tres anos teredes os seus froitos por incircuncisos: serán profanos para vós, non os comeredes. 24Todo o seu froito do cuarto ano será consagrado para loanza do Señor. 25No quinto ano comeredes o seu froito, así aumentará para vós o seu produto. Eu son o Señor, o voso Deus.

26Non comeredes cousa ningunha con sangue. Non botaredes sortes nin faredes adiviñacións. 27Non raparedes, a xeito de coroa, a vosa cabeza, nin recortaredes a barba polos lados. 28Non faredes incisións no voso corpo en sinal de loito, nin vos faredes tatuar en ningún sitio. Eu son o Señor.

29Non entregues a túa filla á prostitución, para que non se profane a terra, enchéndose de torpezas. 30Gardaredes os meus sábados e respectaredes o meu santuario. Eu son o Señor.

31Non iredes aos bruxos nin consultaredes os adiviños, contaminándovos con eles. Eu son o Señor, o voso Deus.

32Poraste de pé ante os cabelos brancos e honrarás a presenza do ancián, temendo o teu Deus. Eu son o Señor.

33Se un forasteiro vén morar convosco na vosa terra, non o maltratedes, 34tratádeo coma nativo entre vós, un peregrino máis convosco: amarédelo coma a vós mesmos, porque peregrinos fostes tamén vós no Exipto. Eu son o Señor, o voso Deus.

35Non faredes inxustiza nos xuízos: nin no longo nin no peso, nin na medida. 36Usaredes balanza xusta, pesas boas, *efah* exacto e *hin* completo. Eu son o Señor, o voso Deus que vos saquei do país de Exipto.

37Gardaredes todos os meus mandamentos e seguiredes todos os meus consellos. Eu son o Señor.

### Penas e castigos dos transgresores

**20** 1O Señor faloulle a Moisés: 2—Dilles aos fillos de Israel: Calquera dos fillos de Israel ou dos forasteiros que moran en Israel que lle sacrifique un fillo a Molok, morrerá sen remedio. A xente do seu pobo acantazarao. 3Eu mesmo me encararei con el, e exterminareino do medio do meu pobo, porque, entregando a Molok da súa descen-

**19**, 9 Son leis moi humanitarias cos máis pobres e cos forasteiros, que se atopan a miúdo (cf **23**, 22; Éx **23**, 11; Dt **24**, 19-21).
**19**, 13 O *obreiro* non ten outro medio de vida e precisa do xornal cada día.
**19**, 19 Estas mesturas úsanse moito nas prácticas da maxia, tan contraria á relixión.
**19**, 20 A condición de escrava fai menos grave o pecado de adulterio, que se consideraba coma un roubo ao próximo.
**19**, 27 Condena certos costumes pagáns dos pobos veciños.
**20**, 1 Neste capítulo castíganse con penas severas certos delitos de superstición e inmoralidade.
**20**, 2 Vólvese prohibir o estarrecedor culto a Molok, coma en **18**, 21, con sacrificios de meniños.

dencia, contaminou o meu santuario e profanou o meu nome santo. [4]Se, porén, os seus veciños pechasen os ollos para non veren que tal home sacrificou un descendente seu a Molok e non o teren que matar, [5]eu mesmo tornarei o meu rostro contra o tal home e contra a súa parentela e arrincareino do medio do seu pobo, a el e a cantos prevaricaron detrás del, prostituíndose diante de Molok. [6]O individuo que vaia aos adiviños e bruxos para se prostituír con eles, eu mesmo me encararei con el e fareino arrincar do medio do seu pobo. [7]Vós tedes que vos santificar, seredes santos, porque eu son o Señor, o voso Deus.

[8]Gardade os meus decretos e cumprídeos. Eu son o Señor que vos santifico.

[9]Calquera que maldiga a seu pai e súa nai, morrerá sen remedio: maldiciu a seu pai e súa nai, terá que cargar co seu pecado.

[10]O home que cometa adulterio coa muller doutro, morrerá sen remedio, tanto el coma ela. [11]Calquera que se deitou coa muller de seu pai, descubriu a nudez de seu pai: os dous morrerán sen remedio, cargarán co seu pecado. [12]O home que se deitou coa súa nora, ambos os dous morrerán sen remedio: cometeron unha abominación, cargarán co seu pecado. [13]O home que se deitou con outro home, coma se fose muller, ambos os dous morrerán sen remedio: cometeron unha abominación, cargarán co seu pecado. [14]O home que colla por muller unha filla e mais a súa nai, comete unha abominación: terán que ser queimados no lume tanto el coma elas; non permitiredes tal abominación no medio de vós. [15]O home que faga o coito cunha besta morrerá sen remedio e mataredes tamén a besta. [16]A muller que se achegue a un animal calquera e faga con el o coito, morrerá xunto co animal: os dous morrerán sen remedio, cargarán co seu pecado. [17]O home que colla a súa irmá, filla de seu pai ou de súa nai, e vexa a súa nudez e ela vexa a nudez del, cometen unha ignominia: serán exterminados á vista dos seus veciños: por descubrir a nudez da súa irmá, cargará coa súa perversidade. [18]O home que se deitou cunha muller que está coa menstruación e viu a súa nudez, descubrindo o seu fluxo e ela mesma o descubriu, os dous serán exterminados do medio do seu pobo. [19]Non descubrirás a nudez da irmá de túa nai, nin a da irmá de teu pai, porque descobres a súa propia carne: cargarán coa súa culpa. [20]O home que se deitou coa muller de seu tío, descubriu a nudez de seu tío: cargarán co seu pecado e morrerán sen descendencia. [21]O home que colla a muller de seu irmán, comete unha abominación, descobre a nudez de seu irmán: non terá descendencia.

### Amoestación xeral

[22]Gardade todos os meus decretos e todos os meus mandatos e cumprídeos, para que non vos vomite a terra na que eu vos vou facer entrar, a fin de que moredes nela. [23]Non vos comportedes de acordo cos costumes da xente que eu vou exterminar de diante de vós, porque estou farto deles por teren cometido todas estas cousas.

[24]Xa volo teño dito: vós seredes donos da súa terra; eu mesmo vola vou dar en posesión: unha terra que deita leite e mel. Eu son o Señor, o voso Deus, que vos separei dos demais pobos.

[25]Separaredes os animais puros dos impuros, os paxaros impuros dos paxaros puros. Non vos contaminaredes con besta, nin ave, nin réptil que se arrastra polo chan, e que eu vos mandei refugar como impuros. [26]Serédesme santos, porque eu o Señor son santo, e separeivos dos outros pobos, para que sexades tan só para min. [27]O home ou a muller que exerza como adiviño ou como bruxo, terá que morrer sen remedio, morrerá acantazado: serán responsables do propio sangue.

### Santidade dos sacerdotes

**21** [1]Díxolle o Señor a Moisés: –Fálalles aos sacerdotes, fillos de Aharón e dilles: Que ninguén se contamine co cadáver dun veciño, [2]agás o dun parente moi achegado a el, coma o da nai, o do pai, o dun fillo, o dunha filla, o dun irmán [3]e o dunha irmá,

**20**, 6 *Prostituír*, é dicir, caer na idolatría.
**20**, 10 Lit. "O home que comete adulterio coa muller dun home que comete adulterio coa muller do seu próximo". Parece tratarse dun caso de *ditografía* xa moi antigo, pois aparece en diversas traducións.
**20**, 11 *A muller de seu pai* enténdese que non sexa a propia nai, senón outra muller, unha concubina.

**21**, 1 O tocar un cadáver pode ser perigoso, se morreu dalgún mal contaxioso. Na Biblia prohíbese porque fai impuro; sen embargo, non se considera grave e purifícase con pouca cousa: dúas rulas e dous pombiños (Núm **6**, 9-10; **19**, 11ss; **31**, 19; Ez **44**, 25-27).

que se mantiña virxe sen se ter xuntado con
ningún home; do contrario, mesmo por ela
se podería facer impuro. 4Un marido non se
poderá facer impuro por mor dos seus paren-
tes, profanándose. 5Non raparán a cabeza,
nin afeitarán a barba polos lados, nin farán
incisións no seu corpo. 6Serán santos para o
seu Deus, non profanando o seu nome, por-
que son eles os que presentan sacrificios de
holocausto ao Señor, alimento do seu Deus:
deberán ser santos. 7Non casarán con muller
prostituída ou deshonrada ou repudiada polo
seu home, porque están consagrados ao seu
Deus. 8E ti recoñeceralo como santo, pois
ofrece o alimento do teu Deus: será para ti
santo, porque santo son eu, que vos santifico.
9Se a filla dun sacerdote se fai prostituta, é
unha deshonra para seu pai, será queimada
no lume.

10O sumo sacerdote, escolleito de entre os
seus irmáns, a quen se lle verteu sobre a ca-
beza o óleo da unción e se lle deu o poder
para vestir os ornamentos sagrados, non des-
enguedellará os cabelos da cabeza nin racha-
rá os seus vestidos. 11Non se achegará a nin-
gún morto, nin sequera a seu pai ou súa nai,
para non se facer impuro. 12Non sairá do san-
tuario do seu Deus, porque leva na súa testa
a coroa do óleo da unción do seu Deus. Eu
son o Señor. 13Collerá por muller unha vir-
xe. 14Non poderá coller por muller nin viúva,
nin repudiada, nin deshonrada, nin prostituta,
senón que casará cunha moza virxe do seu
pobo. 15Non fará impura a súa descendencia
no medio do seu pobo, porque eu son o Señor
que o santifico.

16O Señor faloulle a Moisés: 17–Fálalle
a Aharón e dille: Ninguén da túa xente nas
vindeiras xeracións, que teña algunha eiva,
se poderá aproximar para ofrecer o alimen-
to do seu Deus: 18non se aproximará ningún
home que teña algunha eiva, poño por caso,
sendo cego ou coxo ou manco ou malfeito.
19Calquera que teña un pé ou unha man cre-
bados, 20ou teña eiva ou sexa vesgo ou anano
ou sarnoso ou tiñoso ou eunuco. 21Ninguén
da parentela do sacerdote Aharón, que teña
algunha eiva, se poderá aproximar para ofre-
cer un holocausto ao Señor: habendo unha
eiva nel, non se pode aproximar para ofrecer
o alimento do seu Deus. 22Poderá comer do
alimento do seu Deus, das ofrendas santísi-
mas e das santas; 23pero non entrará alén do
veo nin se achegará ao altar, porque ten unha
eiva e non debe profanar o meu santuario,
pois eu son o Señor, que os santifico.

24Moisés díxolles isto a Aharón e aos seus
fillos e a todos os israelitas.

### Santidade dos que serven ao altar

**22** 1Faloulle o Señor a Moisés: 2–Dilles a
Aharón e a seus fillos que fagan que os
israelitas reverencien as miñas cousas santas
e non profanen o meu nome, que eles teñen
que santificar. Eu son o Señor. 3Dilles: Para
todas as vosas xeracións, calquera da vosa
raza, que, tendo algunha eiva, se achegue ás
cousas santas consagradas polos israelitas ao
Señor, será exterminado da miña presenza.
Eu son o Señor.

4Ninguén da liñaxe de Aharón, afectado
de lepra ou de gonorrea, poderá comer no
santuario, namentres non se purifique; nin
tampouco quen tocou o cadáver dun animal
calquera ou tiver polución, 5así como quen
toque algún réptil impuro ou algún home no
que haxa impureza de calquera caste. 6Quen-
quera que o toque, quedará impuro ata a tarde
e non poderá comer cousas sagradas en tan-
to non lave o seu corpo con auga. 7Á posta
do sol será puro de novo e poderá comer das
cousas sagradas, pois elas son o seu alimento.
8Non poderá comer carne dun animal morto
ou esnaquizado por unha fera: contaminaría-
se con el. Eu son o Señor. 9Gardarán os meus
mandamentos e así non cargarán co seu pe-
cado nin morrerán por causa deste alimento,
por se profanaren con el. Eu son o Señor, que
os santifiquei.

10Ningún estraño comerá cousa sagra-
da, sexa hóspede do sacerdote, sexa o seu
xornaleiro. 11Se o sacerdote, porén, adquire
polo seu diñeiro unha persoa, ela poderá co-
mer con el e todos os que nazan na súa casa,

**21**, 4 Non é claro o sentido deste v. O texto grego, no posto de "marido", pon "axiña". Parece ser que se lles prohibe aos sacerdotes gardar loito polos parentes da muller.
**21**, 5 Condénanse certos costumes supersticiosos que se practicaban con motivo de loito ou de enterros.
**21**, 6 *Alimento do seu Deus*: Así se lle chama ao holocausto en sentido metafórico. É un modo de falar para significar a satisfacción que lle produce a Deus o holocausto.
**21**, 17 Esta norma non se pode xulgar discriminatoria. A razón é que o pertencer ao estamento sacerdotal non é obxecto de decisión persoal, senón dunha elección por parte da comunidade en honor de Iavé. Así como se prohibe ofrecer vítimas con defectos, do mesmo xeito sería unha falta de respecto escoller para o culto público ministros defectuosos (cf v. 21).
**22**, 2 A tradución literal sería "que se absteñan das ofrendas"; pero o sentido parece ser: que se comporten con reverencia, para non as profanaren.

poderán comer do seu alimento. [12]A filla do sacerdote que casa cun estraño, non poderá comer do que se recolle no santuario. [13]Con todo, a filla do sacerdote que enviúva ou foi repudiada sen ter fillos e torna á casa do pai e vive con el coma cando era solteira, poderá comer do alimento do pai; pero ningún estraño poderá comer do mesmo. [14]Calquera que, sen se decatar, comese das cousas sagradas, restituiralle ao sacerdote a cousa mesma ademais dunha quinta parte da cousa sagrada. [15]Non profanarán as cousas sagradas que os israelitas lle ofrezan ao Señor. [16]Os que as coman, cargarán coa súa culpa, co delito de comeren das cousas sagradas, que santifiquei eu. Eu son o Señor.

### Integridade das vítimas

[17]Faloulle o Señor a Moisés: [18]–Fálalles a Aharón e a seus fillos e a todos os fillos de Israel: Calquera israelita, ou estranxeiro residente entre os israelitas, que ofrezan como holocausto ao Señor un sacrificio por calquera clase de voto ou de promesa voluntaria, [19]para que lle sexa aceptable, terá que ser macho sen tacha, bovino, ovino ou caprino. [20]Non ofrecerá nada defectuoso, pois non sería feito con boa intención pola vosa parte. [21]Calquera que ofreza ao Señor un sacrificio de comuñón, para cumprir un voto ou por devoción espontánea, terá que ser de gando maior ou menor, pero sen tacha. Non terá ningún defecto. [22]Non ofreceredes ao Señor, nin queimaredes no seu altar vítima cega nin coxa nin manca nin a que teña algunha úlcera ou sarna ou algunha ferida. [23]Boi ou ovella desproporcionada ou pequeneira poderase ofrecer como sacrificio espontáneo, pero non será aceptado para cumprir un voto. [24]Non ofreceredes ao Señor vítimas cos testículos sumidos ou esmagados ou arrincados ou cortados. Na vosa terra non ofreceredes vítimas desas. [25]Non ofreceredes, como alimento do voso Deus, ningunha vítima recollida da man dun forasteiro, se están cheas de defectos e tachas: non vos serían aceptables para ben voso.

[26]Faloulle o Señor a Moisés: [27]–O tenreiro, o año e o cabrito estarán coa nai os sete primeiros días despois de nacer. Do día oitavo para adiante será aceptable como ofrenda de holocausto para o Señor. [28]Non matarás no mesmo día un boi ou un carneiro xunto co seu fillo. [29]Cando ofrezades un sacrificio de loanza ao Señor, facédeo de maneira que vos sexa ben acolleito. [30]Comeredes a vítima no mesmo día en que a sacrificastes, sen deixar nada dela para a mañá seguinte. Eu son o Señor.

[31]Gardaredes os meus mandatos e cumpriredelos. Eu son o Señor. [32]Non profanaredes o meu nome santo. Eu hei de ser santificado no medio dos fillos de Israel, porque son eu, o Señor, quen vos santifica. [33]Saqueivos de Exipto para ser o voso Deus. Eu son o Señor.

### As grandes festas: o sábado

**23** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Fálalles aos fillos de Israel: As festas do Señor, as miñas solemnidades, que habedes celebrar en asemblea sagrada, son estas: [3]Durante seis días faredes os vosos traballos. No día sétimo gardaredes repouso total, teredes asemblea sagrada: non faredes ningún traballo, será repouso para loanza do Señor en todo país onde habitedes.

[4]Estas son as festas do Señor, asembleas sagradas, que convocaredes no seu tempo.

### A Pascua e os Ácimos

[5]No día catorce do primeiro mes, entre lusco e fusco será a Pascua do Señor. [6]No día quince do mesmo mes será a festa dos Ácimos a honra do Señor. Durante sete días comeredes alimentos sen fermento. [7]O primeiro día teredes asemblea santa, non faredes ningún traballo servil. [8]Ofreceredes holocaustos ao Señor, en cada un dos sete días. No sétimo día volveredes ter asemblea santa, e non faredes ningún traballo servil.

### O primeiro monllo

[9]Faloulle o Señor a Moisés: [10]–Fálalles aos fillos de Israel: cando entredes na terra

**22**, 14 Considérase o feito de que un laico, ao comer das cousas consagradas, comete unha fraude cos sacerdotes, que non teñen outros medios de sustento. Non falta tamén a alusión ao seu carácter sagrado, que esixe un estado de pureza legal para manexalas.
**22**, 20 Insístese a miúdo na integridade e perfección das vítimas que se lle ofrecen a Iavé para que sexan ben acollidas na súa presenza.
**23** Calendario das festas, que xunta diversas tradicións máis antigas. Xa nos tempos primeiros, baixo o exemplo dos cananeos, que tiñan as súas festas campesiñas, os hebreos celebraban tres ao ano: a dos Ácimos, ou pan sen fermento (Éx **23**, 14-15), a festa da seitura (Éx **23**, 16 a) e por fin a festa da colleita (Éx **23**, 16b).
**23**, 10 A lei das primicias ten a finalidade de recoñecer os froitos da terra e dos rabaños coma un don de Deus.
Os vv. 9-15 parece que foron entremetidos no calendario das festas, que continúa no v. 16.

que vos hei dar eu e fagades a seitura das primeiras anadas, levarédeslle ao sacerdote un monllo da vosa primeira colleita. [11]El erguerao, facendo o xesto de ofrendalo diante do Señor ao amencer do día do repouso e ofrecerao. [12]No mesmo día en que fagades a ofrenda do voso monllo, queimaredes en holocausto ao Señor un año dun ano, sen tacha, [13]xunto coa ofrenda de dúas décimas de flor de fariña mesturada con aceite, que será queimada a honra do Señor, como perfume de recendo para o Señor, ademais da correspondente libación dun cuarteirón de *hin* de viño. [14]Non comeredes pan, nin grans torrados nin espigas tenras antes dese día, no que presentaredes a ofrenda ao voso Deus. É unha lei perpetua para todas as vosas xeracións en todos os países nos que habitedes.

**Pentecoste**

[15]Desde a mañá do día seguinte ao sábado no que trouxestes o voso primeiro monllo para ser presentado, contaredes sete semanas enteiras [16]e ata o día seguinte do sétimo sábado contaredes cincuenta días; entón ofrecerédes unha oblación nova ao Señor. [17]Das vosas moradas traeredes, para ofrecelos, dous pans feitos con dúas décimas de flor de fariña e co fermento correspondente, como primicias para o Señor. [18]Ademais do pan, ofreceredes sete años dun ano sen tacha, un xovenco e dous carneiros, que serán presentados en holocausto ao Señor, xunto coas oblacións e libacións correspondentes, e arderán como perfume recendente para o Señor. [19]Presentaredes un chibo como vítima de expiación e dous años dun ano como sacrificio de comuñón. [20]O sacerdote abalaraos ritualmente xunto co pan das primicias, como oblación diante do Señor, ademais dos dous años; serán consagrados á honra do Señor e serán para o sacerdote. [21]Nese mesmo día convocaredes a asemblea sagrada, que será santa para vós, e non poderedes facer ningún traballo servil. É lei perpetua en todas as terras en que habitedes por todas as xeracións. [22]Cando fagades a seitura do pan na vosa terra, non segaredes ata os recunchos dos vosos eidos, nin repañaredes as espigas no segado: deixaredes as espigas caídas para o pobre e o forasteiro. Eu son o Señor, o voso Deus.

**O Ano Novo**

[23]Faloulle o Señor a Moisés: [24]–Dilles aos israelitas: no sétimo mes, o día primeiro do mes será para vós de grande repouso, lembranza solemne a son de trompeta e asemblea sagrada. [25]Non faredes ningún traballo servil e ofreceredes holocaustos ao Señor.

**O día da Expiación**

[26]Faloulle o Señor a Moisés: [27]–No décimo día do sétimo mes, será o día da Expiación. Celebraredes asemblea sagrada, mortificarédesvos e ofreceredes vítimas de lume ao Señor. [28]Nese día non faredes ningún traballo servil, por ser o día da expiación para vos purificardes diante do Señor, o voso Deus. [29]Toda persoa que nese día non se mortifique, será exterminada do medio do seu pobo. [30]Calquera que nese día faga algún traballo servil, eu farei que sexa exterminado do medio do seu pobo. [31]Non faredes ningún traballo: lei perpetua para todas as vosas xeracións en todas as vosas moradas. [32]Día de grande repouso será para vós; e habédesvos mortificar desde a tarde do día noveno dese mes ata a tarde do día seguinte e gardaredes o voso repouso sabático.

**Festa das Cabanas**

[33]Faloulle o Señor a Moisés: [34]–Dilles aos israelitas: No día quince deste sétimo mes, será a festa das Cabanas á honra do Señor. Durará sete días. [35]No día primeiro celebraredes asemblea sagrada, non faredes ningún traballo servil. [36]Durante os sete días ofreceredes ao Señor vítimas de lume. No día oitavo teredes de novo asemblea sagrada e queimaredes vítimas ao Señor. É día de repouso, non faredes ningún traballo servil. [37]Estas son as solemnidades do Señor, que celebraredes convocando asembleas sagradas, queimando vítimas ao Señor: holocausto, oblación, sacrificio e libación, conforme estea mandado para cada día. [38]Iso á parte dos sábados do Señor, das vosas doazóns, de

**23**, 11 *O día de repouso*, o sábado. En efecto, o termo orixinal é "xabbat", que ten os dous significados.
**23**, 23 Comeza entón o ano, nos tempos en que, coma hoxe en día en Israel, empeza o outono.
**23**, 27 O día de Expiación (cf **16**; **25**, 9). *Vítimas de lume*, é dicir, queimadas no lume.
**23**, 33ss O costume de durmir en tendas ou cabanas vén dos usos agrícolas durante a seitura ou a colleita e a vendima; máis tarde asociouse á idea da permanencia no deserto (v. 43) e adquiriu un significado relixioso como en Dt **16**, 13-16.

todas as vosas promesas votivas e das vosas ofrendas voluntarias, que adoitades ofrecer ao Señor. [39]No día quince do sétimo mes, cando teñades feita a colleita dos froitos da terra, festexaredes a gran solemnidade do Señor, durante sete días: con repouso total, tanto o primeiro día coma o oitavo. [40]No día primeiro colleredes froito das mellores árbores, ramos de palmeira, ramallos de árbores frondosas e de salgueiros dos regatos; folgaredes diante do Señor, o voso Deus, durante os sete días. [41]Cada ano festexaredes esta solemnidade á honra do Señor, durante sete días. É lei perpetua para todas as vosas xeracións. Festexarédela no sétimo mes. [42]Moraredes en cabanas os sete días. Todos os nativos de Israel morarán en cabanas, [43]para que os vosos descendentes saiban que en cabanas fixen eu que morasen os israelitas, cando os saquei de Exipto. Eu son o Señor, o voso Deus.

[44]E Moisés promulgoulles as solemnidades do Señor aos fillos de Israel.

### O candelabro e os pans da proposición

**24** [1]O Señor faloulle a Moisés: [2]–Manda os fillos de Israel que che traian aceite de oliveira, puro e virxe, para acender o candelabro, e que se manteña sempre aceso. [3]Aharón colocarao pola banda de fóra do veo da Tenda do Testemuño e arderá decote desde a tarde ata a mañá diante do Señor. É lei perpetua para todas as vosas xeracións. [4]Disporás as candeas no candelabro de ouro puro e iluminarán decote diante do Señor. [5]Collerás flor de fariña, farás doce bolos de dúas décimas cada un [6]e disporalos en dúas filas, seis en cada unha enriba de mesa de ouro puro diante do Señor. [7]Enriba de cada fila porás incenso puro, que será sobre o pan como recendo de lembranza para ser queimado na honra do Señor. [8]Sempre cada sábado renovaralo diante do Señor. Será estatuto perpetuo para os fillos de Israel. [9]Pertencerán a Aharón e aos seus fillos. Só eles o poderán comer no santuario, porque son cousa sagrada, recollida das ofrendas presentadas ao Señor e perténcelles a eles por dereito perpetuo.

### Castigo do que blasfema

[10]Xurdiu entre os israelitas un, que era fillo de nai israelita e de pai exipcio, e pelexou cun israelita no campamento. [11]O fillo da muller israelita blasfemou contra o nome de Deus e por iso foi levado onda Moisés (o nome da nai era Xelomit, filla de Dibrí, da tribo de Dan). [12]Puxérono baixo garda ata que dixese o Señor o que tiñan que lle facer.

[13]Faloulle o Señor a Moisés: [14]–Levade o blasfemo fóra do campamento, que todos os que o oíron lle impoñan as súas mans sobre a cabeza, e que a comunidade toda o mate a pedradas. [15]Despois diraslles aos israelitas: Calquera que aldraxe o nome do seu Deus, cargará co seu pecado. [16]Quenquera que aldraxe o nome do Señor morrerá sen remedio. A comunidade toda terá que o lapidar, sexa estranxeiro sexa nativo. Calquera que aldraxe o nome do Señor será matado.

### Lei do talión

[17]Se algún lle bate a outro ata o matar, será castigado coa morte. [18]Quen mate un animal a golpes, terá que devolver outro: animal por animal. [19]Calquera que lle faga dano ao seu próximo, faráselle a el o mesmo, [20]fenda por fenda, ollo por ollo, dente por dente. O que lle fixo ao outro, faráselle a el do mesmo xeito. [21]O que mata un animal alleo, terá que o pagar; o que mata un home, tamén será el matado. [22]Haberá entre vós un só xuízo para todos, o mesmo para o forasteiro e para o nativo. Eu son o Señor, Deus de todos vós.

[23]Despois de lles falar Moisés aos israelitas, sacaron o blasfemo fóra do campamento e lapidárono todos os fillos de Israel, tal como lle ordenara o Señor a Moisés.

**24**, 4 *De ouro puro*, lit. "puro": podería referirse tamén á pureza ritual. O mesmo vale para a mesa do v. 6.
**24**, 5 A orixe desta lei seguro que vén dos usos cananeos.
**24**, 6 O número seis en cada ringleira fai doce, unha por cada tribo.
**24**, 9 Só as poderán comer os sacerdotes, por ser cousa consagrada a Iavé.
**24**, 14 O mesmo xesto ca o realizado co chibo expiatorio. Ao imporlle as mans sobre a cabeza, faino cargar co pecado dos que o oíron blasfemar.
**24**, 19 A lei do talión representa un progreso, xa que a inclinación humana é vingarse nunha proporción maior. Só se lle permite compensar o mesmo dano, non máis.
**24**, 23 A blasfemia era un pecado gravísimo, xa que o nome era igual á persoa mesma de Deus. Se invocando o nome de Deus se conseguen as súas bendicións, cando o aldraxen, de por forza caen as maldicións sobre o pobo no que mora o blasfemo.

### O ano sabático

**25** [1]Faloulle o Señor a Moisés no monte
Sinaí: [2]–Dilles aos israelitas: Cando
entredes na terra, que eu vos hei dar, darédeslle a esta terra un repouso sabático en honor do Señor. [3]Durante seis anos sementarás os teus eidos, podarás a túa viña e recollerás os seus froitos. [4]O sétimo ano será de repouso total en honra do Señor para esa terra: nin sementarás o teu eido nin podarás a túa viña. [5]Non segarás o que naza sen que fose sementado, nin vendimarás as uvas que naceron na viña sen ser traballada. Será un repouso total para a terra. [6]O que produza a terra no ano sabático, chegará para alimentarvos a ti, o teu criado, a túa criada, o teu xornaleiro, o teu parceiro e a todos os forasteiros que moran contigo. [7]Tamén para a túa facenda e para todo o gando que vive no país, servirá de alimento tan só o que a terra produza de seu.

### O xubileu

[8]Contarás sete semanas de anos, isto é, sete veces sete anos, que serán para ti unha semana de semanas de anos, é dicir, corenta e nove anos. [9]Farás soar o corno do xubileu no décimo día do sétimo mes: no día grande da expiación faredes resoar o corno en todo o voso país. [10]Santificaredes o ano cincuenta e promulgaredes unha gran liberación para todo o país e para todos os seus habitantes. Será para vós o gran xubileu, cada un volverá ser dono de todos os seus eidos, e cada persoa tornará á súa familia. [11]Cada ano cincuenta será para vós ano xubilar. Non sementaredes nin segaredes o que naza de seu, nin vendimaredes as uvas nacidas. [12]O xubileu será para vós tempo santo. Comeredes só o que produza a terra. [13]Neste ano do xubileu cada un tornará a ser dono da súa herdanza. [14]Cando lle vendades unha herdade a un veciño ou cando lle compredes un eido, que ninguén estafe a seu irmán. [15]Pagaraslle ao teu próximo segundo o número de anos transcorridos desde o xubileu, e el venderache no prezo que corresponda co número de colleitas que restan: [16]se son moitos anos, pagarás máis a compra; se son poucos anos pagarás menos, pois o que vende só che vende o número de colleitas. [17]Non vos defraudedes uns aos outros, temeredes o voso Deus. Eu son o Señor, o voso Deus.

[18]Cumpriredes os meus estatutos e gardaredes os meus mandamentos e faredes o que eu vos ordeno, para que habitedes en paz no voso país. [19]A terra daravos o seu froito, para que comades a fartar e para que habitedes nela en paz. [20]Se preguntardes: "Que comeremos no ano sétimo, se nin podemos sementar, nin recoller os nosos campos?", [21]eu heivos mandar as miñas bendicións no ano sexto, e a terra havos dar unha colleita de abondo para tres anos. [22]Cando sementedes no ano oitavo, comeredes da colleita vella ata que veña a nova. [23]Non venderedes as herdades para sempre, pois a terra é miña, e vós sodes peregrinos e forasteiros onda min. [24]A toda a terra da vosa propiedade respectarédeslle o dereito de rescate. [25]Se teu irmán se endebeda e se ve precisado de vender un dos seus eidos, o parente máis achegado del poderá rescatar a venda de seu irmán. [26]Se un calquera de vós non tivese ningún parente, pero co seu traballo chegase a recadar cartos de abondo para pagar o rescate, [27]descontará os anos transcorridos desde a venda, devolveralle o resto ao comprador e recuperará así a propiedade do seu eido. [28]Se, porén, non adquire diñeiro abondo para o rescate,

**25**, 2 A terra pertence a Deus, os seus froitos son un don de Deus. Por iso tamén os pobres teñen dereito ao que produce sen sementar. Cando os abonos non son suficientes, a terra precisa un repouso cada certo tempo (Éx **20**, 8).

**25**, 8 O sábado -7.º día- e ao ano sabático -7.º ano-, corresponde, despois de sete semanas de anos, o ano xubilar. Este ano recibe o nome do «ióbel», corno de carneiro, que se usaba como trompeta para anunciar este acontecemento, que se celebra xa desde o Código da Alianza (Éx **23**, 10-11). Isto supón un retorno ás condicións sinxelas de vida pastoril. O Dt **15**, 1-11 engádelle o perdón das débedas. Os escravos hebreos teñen que ser liberados no sétimo ano da súa servidume, aínda que non sexa ano sabático (Éx **21**, 2; Dt **15**, 12-18).

**25**, 10 O ano do *xubileu* tivo unha gran importancia para a economía e para a vida social dos hebreos: os escravos recuperaban a súa liberdade e os bens volvían aos seus donos primeiros. Ninguén se podía facer nin moi rico, nin moi pobre para toda a vida. O xubileu estivo en vigor antes do desterro de Babilonia. Despois do exilio non temos datos de que se celebrase. O ano sabático, en troques, continuouse celebrando con solemnidade ata a destrución de Xerusalén no ano 70 d. C., como se deduce de Neh **10**, 31; 1 Mac **6**, 49-53; Flavio Xosefo e Tácito.

**25**, 14 Esta lei garante a equidade nas vendas e nas compras e non permite acaparar as terras por parte dalgúns (cf Is **5**, 8; Miq **2**, 2).

**25**, 21 *Para tres anos*: o ano sabático, o xubilar e o que lle segue, porque aínda non se recolleran as colleitas do sementado despois do Xubileu.

**25**, 25 Goel, o parente máis próximo, que ten o dereito e o deber de rescatar (Núm **35**, 19). Este dereito en favor do que vende por forza, ten por finalidade conservar a propiedade na mesma familia, e defender os máis pobres (cf nota a Rut **2**, 20).

a cousa vendida quedará no poder do que a mercou ata o ano xubilar; pero ao chegar o xubileu tornará a ser do primeiro dono.

### Propiedade das casas

[29]Cando alguén venda unha casa habitable en cidade amurallada, terá dereito a volver o trato atrás durante todo o primeiro ano desde a venda. Nese tempo poderá ser rescatada. [30]Se non se rescata durante todo ese ano, esa casa situada dentro da cidade amurallada pertencerá para sempre ao comprador e aos seus herdeiros, e non terá dereito a ser rescatada no xubileu. [31]Con todo, as casas de aldeas, que non teñen muros arredor, serán consideradas coma terras: estarán baixo o dereito de rescate, e terán que ser devoltas no xubileu.

[32]As cidades levíticas, nas que teñan os levitas casas en propiedade, conservarán o dereito de rescate a perpetuidade. [33]Se alguén lle compra a un levita a casa que teña dentro de cidade pertencente aos levitas, a compra só será valedoira ata o xubileu. Ao chegar o xubileu, a casa vendida quedará libre, porque as casas das cidades dos levitas son propiedade deles no medio dos fillos de Israel. [34]Tampouco poderá ser vendido o terreo de arredor destas casas nestas cidades, porque é propiedade perpetua deles. [35]Se un irmán teu se endebeda e non ten con que che pagar, manteralo coma se fose o teu hóspede ou forasteiro e vivirá contigo. [36]Non lle esixirás rendas nin usuras, senón que temerás o teu Deus e deixarás vivir contigo a teu irmán. [37]Non lle emprestarás cartos a rédito, nin lle darás a comida por diñeiro.

[38]Eu son o Señor, o voso Deus, que vos saquei da terra de Exipto e deivos o país de Canaán para ser o voso único Deus.

### Liberación dos escravos

[39]Se tes de veciño algún irmán teu, que por caer na pobreza, ten que venderse a ti, non lle imporás traballos de escravo: [40]vivirá na túa casa coma se fose un xornaleiro ou forasteiro e servirate ata o ano do xubileu. [41]Entón sairá libre de onda ti, el e mais os seus fillos, tornará á súa familia e recuperará a herdanza de seus pais. [42]Pois son servos meus, saqueinos eu de Exipto e non poderán ser vendidos como escravos. [43]Non o maltratarás, senón que temerás o teu Deus. [44]Poderedes adquirir escravos e escravas, que vos sirvan, de entre os pobos de arredor. De entre eles podedes mercar criados e criadas. [45]Tamén os podedes comprar de entre os fillos dos estranxeiros que moran convosco e de entre as familias deles, nacidos e medrados na vosa terra e poderán ser propiedade vosa. [46]Poderédelos deixar en herdanza aos vosos fillos; pero se son vosos irmáns, non os tratarédes con dureza, xa que sodes todos fillos de Israel.

### Dereitos dos forasteiros

[47]Se algún forasteiro ou hóspede que tes contigo, chegase a facerse rico onda ti e un irmán teu se endebeda ao seu lado e se ten que vender ao forasteiro ou ao hóspede ou aos descendentes da súa familia, [48]despois da venda terá dereito a ser rescatado: algún dos seus irmáns poderao rescatar. [49]Tamén o poderá rescatar un tío seu ou un fillo de seu tío ou algún outro dos parentes da súa familia, ou, caso de facerse rico, el mesmo se poderá rescatar. [50]Contará de acordo co seu comprador desde o ano da venda ata o ano do xubileu: a cantidade de diñeiro que terá que lle dar, será a que lle corresponda segundo o número de anos, estimándoa coma os días dun xornaleiro. [51]Se aínda lle faltan moitos anos, devolveralle un rescate conforme o prezo no que foi comprado. [52]Pero se lle faltan poucos anos ata o ano do xubileu, botarán contas e devolveralle o rescate que lle toque. [53]Tratarao como a un xornaleiro, ano por ano, sen o maltratar en nada. [54]Se non se puidese rescatar antes, ao chegar o xubileu, quedarán libres tanto el coma os fillos que teña consigo, [55]porque os fillos de Israel son servos meus, pois fun eu quen os sacou de Exipto. Eu son o Señor, o voso Deus.

### Recompensa dos bos costumes

**26** [1]Non vos fabricaredes deuses, nin esculturas, nin imaxes, nin levantaredes estatuas de pedra. Na vosa terra non as

**25**, 32 Só os levitas poden adquirir propiedades nas cidades levíticas, para asegurar o carácter sagrado das mesmas. Se un que non é levita compra algo dos levitas, no xubileu terá que devolvérllelo.
**25**, 39 As leis do Código da Alianza (Éx **21**, 2-11) eran moito máis duras, aínda que a obriga duraba só sete anos. Aquí, en troques, prolóngase ata o xubileu, pero sen lle "impoñer traballos de escravo".
**25**, 46 Contén o estatuto ordinario do escravo na antigüidade en todos os pobos. En Israel é máis humanitario o trato.
**26**, 1 A tentación máis corrente para os israelitas era daren culto aos deuses do país, deuses da fertilidade, do gando e da terra.

levantaredes para as adorar, pois eu son o Señor, o voso Deus. [2]Gardaredes os sábados e terédeslle moito respecto ao meu santuario. Eu son o Señor. [3]Se camiñades conforme os meus mandatos e gardades as miñas ordes e as cumprides, [4]heivos mandar as chuvias no seu tempo, a terra havos dar as súas colleitas e as árbores do campo os seus froitos. [5]As mallas durarán ata a vendima e a vendima xuntarase coa sementeira: comeredes a fartar e viviredes en seguranza na vosa terra. [6]Eu porei paz no voso país, durmiredes sen medo e arredarei de onda vós toda caste de terror. Afastarei da vosa terra toda fera nociva e non pasará a espada polo voso país. [7]Perseguiredes os vosos inimigos, que caerán a fío da espada diante de vós. [8]Cinco de vós perseguirán cen, cen de vós farán fuxir a milleiros e os vosos inimigos caerán a fío da espada diante vosa. [9]Volverei os meus ollos cara a vós, fareivos prosperar e inzar e confirmarei a miña alianza convosco. [10]Habedes comer da vella colleita ben madura e aínda teredes que desbotar a vella para gardar a nova. [11]Porei a miña morada no medio das vosas e non me alporizarei máis convosco. [12]Andarei entre vós, serei o voso Deus e vós seredes o meu pobo. [13]Eu son o Señor, o voso Deus, que vos saquei do país de Exipto, para vos liberar da escravitude, rompendo as cordas do voso xugo e fíxenvos camiñar coa fronte ergueita.

### Ameazas e castigos dos transgresores

[14]Se non me escoitades e non cumprides todos estes meus mandatos, [15]se non facedes caso dos meus estatutos e detestades os meus preceptos non os cumprindo e faltando á alianza que me xurastes, [16]eu farei o mesmo convosco tamén, e mandarei contra vós o espanto, a febre e a peste, que ensumirá os vosos ollos e doenzas que vos acabarán coa vida. Faredes en balde a vosa sementeira, pois os vosos inimigos comerán os froitos. [17]Porei o meu rostro contra vós e caeredes diante dos vosos inimigos; dominaranvos os que vos odian e fuxiredes sen que ninguén vos persiga. [18]Se aínda despois de todo isto non me escoitades, engadirei sete veces máis para vos corrixir dos vosos pecados. [19]Humillarei o voso orgullo testán e farei que o ceo se vos converta en ferro e a vosa terra en bronce. [20]Serán vans todos os vosos esforzos, a terra non vos dará colleita e as árbores non vos darán o seu froito. [21]E, se me seguides facendo a contra e non me queredes escoitar, engadirei a todo isto sete veces máis, para vos corrixir dos vosos pecados. [22]Mandarei contra vós as feras do campo, que vos han deixar orfos, mataranvos o gando deixándoo decimado e quedarán ermos os vosos camiños. [23]E se aínda con estas cousas non escarmentades e me seguides resistindo, [24]tamén eu me hei pór contra vós e vos hei castigar sete veces máis por causa dos vosos pecados. [25]Farei vir contra vós unha espada vingadora da miña alianza. Teimaredes por vos refuxiar nas vosas cidades, pero heivos mandar unha peste e caeredes nas mans dos vosos inimigos; [26]e cando eu esnaquice a medida do pan, dez mulleres cocerán o voso pan nun só forno e daránvolo taxado e comeredes, pero non vos fartaredes. [27]E, se aínda con isto non me escoitades e seguides levándome a contra coa vosa conduta, [28]heivos tratar con moita máis ira e heivos castigar sete veces máis polos vosos pecados. [29]Chegaredes a ter que comer a carne de vosos propios fillos, alimentarvos coa carne de vosas fillas. [30]Derrubarei os vosos altares e esnaquizarei as imaxes dos vosos ídolos; porei enriba dos anacos os vosos cadáveres e terei noxo de vós. [31]Farei que as vosas cidades queden ermas e destruirei os vosos santuarios e non aspirarei o recendo dos vosos holocaustos. [32]Asolarei o voso país; e mesmo os vosos inimigos, cando entren a ocupalo, ficarán abraiados ao veren o estado en que quedou. [33]Dispersareivos por entre os pobos e farei que vos persiga a espada. A vosa terra quedará erma e as vosas vilas abandonadas. [34]Entón a vosa terra desquitarase dos seus sábados, durante o tempo todo da devastación, namentres vós teredes que morar na terra dos vosos inimigos: [35]entón a terra repousará e desquitarase por todas as veces que non a deixastes repousar, cando non gardastes os sábados mentres morastes nela. [36]Os que sobrevivan de vós, fareinos tan medorentos no país dos seus inimigos onde moraren, que fuxirán co ruído dunha folla, correndo como quen escapa da espada, e caerán sen que ninguén vaia tras eles.

**26**, 4 Non dispondo de ríos na Palestina para regar os campos, soamente coas chuvias temperás e serodias se pode manter a fertilidade e o benestar de persoas e facendas, e non haberá fame no país.

**26**, 6 Nunha situación campesiña as feras eran unha fonte de terror e perigo para as vidas das persoas e dos rabaños.

**26**, 26 O quinto castigo é "esnaquizar a medida do pan". O que mantén de pé a vida do pobo é o pan. Esta idea atopámola no Sal **105**, 16 e en Ez **4**, 16; **5**, 16; **14**, 13.

**26**, 31 Moitos manuscritos poñen en singular "o voso santuario", seguindo a mentalidade do Dt.

[37]Tropezarán uns cos outros, como se fuxisen
da espada, sen que os persiga ninguén, e non
haberá quen vos levante de diante dos vosos
inimigos. [38]Pereceredes entre os xentís e co-
meravos a terra dos vosos inimigos.

### Perspectivas de reconciliación

[39]Os que sobrevivan de entre vós podre-
cerán en terra inimiga por causa dos seus
pecados e polos pecados dos seus devancei-
ros. [40]Terán que confesar o seu erro e o erro
de seus pais, polas ofensas que me fixeron e
pola obstinación con que me levaron a con-
tra. [41]Por iso tamén eu tiven que me com-
portar con eles, opóndome e desterrándoos
a un país inimigo. Entón humillarase o seu
corazón incircunciso e expiarán a súa culpa.
[42]Recordarei a miña alianza con Xacob, con
Isaac e con Abraham, e lembrareime tamén
da terra. [43]Pero antes a terra estará abando-
nada deles e desquitarase dos seus sábados,
cando a teñan que deixar erma. Así expiarán
eles as súas culpas, porque desprezaron os
meus mandatos e non fixeron caso dos meus
decretos. [44]Porén, mesmo cando estean eles
en país inimigo, non os rexeitarei, nin os abo-
rrecerei para os facer desaparecer, rompendo
a miña alianza con eles, porque eu son o Se-
ñor, o seu Deus. [45]En favor deles hei recordar
a miña primeira alianza, cando os saquei do
país de Exipto á vista das nacións para ser o
seu Deus. Eu son o Señor.

[46]Estes son os decretos, mandamentos e
preceptos, que o Señor estableceu entre el e
os fillos de Israel no monte Sinaí, por medio
de Moisés.

### Votos e tributos

**27** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Dilles
aos fillos de Israel: Cando alguén
queira cambiar un voto que fixo, consagran-
do unha persoa ao Señor, poderao rescatar
conforme o seu valor. [3]A valoración será a
seguinte: se o voto é por un home que ten
entre vinte e sesenta anos de idade, o prezo
será de cincuenta siclos de prata dos do san-
tuario; [4]se é por unha muller da mesma idade,
o prezo será de trinta siclos. [5]Se o home ten
entre cinco e vinte anos, o valor será de vinte
siclos; se é muller, será de dez siclos. [6]Se é
un neno dun mes a cinco anos, o valor será
de cinco siclos de prata, se é home; e de tres
siclos de prata, se é muller. [7]Se a persoa con-
sagrada ten de sesenta anos para arriba, o va-
lor será de quince siclos, se é home; e de dez,
se é muller. [8]Se o que fixo o voto fose pobre e
non pode pagar o valor taxado, preséntese ao
sacerdote, que o valorará conforme as súas
posibilidades.

[9]Se o voto que se fixo foi dunha res, todo
canto se lle ofreza ao Señor do animal será
sagrado: [10]non poderá ser cambiado nin tro-
cado por outro, nin mellor nin peor. Se al-
guén troca un animal por outro, ambos os
dous serán sagrados, tanto o trocado coma o
outro. [11]Se o animal ofrecido ao Señor fose
impuro e non servise para ser inmolado como
sacrificio, será presentado ao sacerdote, [12]que
o taxará coma bo ou malo: o seu prezo será o
que lle taxe o sacerdote. [13]Se o que o ofreceu
en voto o quere rescatar, dará por el un quinto
máis do prezo taxado.

[14]Se alguén fai ofrenda da súa casa ao
Señor, o sacerdote fixará o seu valor, moito
ou pouco. O valor que lle poña, será con-
siderado xusto. [15]Se o que a ofreceu a que-
re rescatar, pagará por ela un quinto máis
do prezo taxado e será del. [16]Se alguén fai
ofrenda ao Señor dalgunha herdade do seu
patrimonio, será valorada segundo os ferra-
dos de semente: cincuenta siclos de prata
por cada ferrado de semente de cebada. [17]Se
ofreceu a herdade no ano do xubileu, dará
o prezo total; [18]se foi despois do xubileu, o
sacerdote contará os anos que faltan ata o
xubileu seguinte e descontará do valor ta-
xado o que corresponda aos anos pasados.
[19]Se o que a ofreceu a quere rescatar, pagará
un quinto máis do prezo taxado en siclos de
prata, e será del. [20]Se o que ofrece a herdade
non a rescata e se vende a outro, non terá de-
reito a rescatala máis; [21]pero cando chegue
o xubileu, quedará libre e será considerada
como sagrada para o Señor, como se fose un
eido con interdito e pasará a ser propiedade
do sacerdote.

**26**, 41 Os castigos divinos pretenden primordialmente a conversión dos pecadores. Despois de o conseguiren, o Señor tórnase de novo compasivo e misericordioso.

**27**, 2 Trátase de persoas ofrecidas en voto, costume cananeo que entrou, aínda que en proporción mínima, en Israel: Iefté (Xuí **11**, 30ss), no caso da nai de Sansón, que o ofrece en voto como "nazir" (Xuí **13**, 3ss) e no caso de Ana, a nai de Samuel (1 Sam **1**, 11). Cando o voto se facía pola vida da persoa, tíñase que rescatar por unha suma de prata, que estaba fixada pola lei e que había que entregar no santuario.

**27**, 9 Cando se ofrecía un animal, non se podía rescatar con diñeiro, nin cambialo por outro, se era dos que se lle poden ofrecer a Iavé. Caso contrario, había que valoralo en diñeiro do santuario.

**27**, 16 *De semente*: do gran sementado, non recollido.

[22]Se o eido consagrado ao Señor fose comprado, non herdado, [23]o sacerdote taxará o seu valor conforme o número de anos ata o xubileu; e, pagado ese prezo, nese mesmo día será sagrado para o Señor. [24]No ano do xubileu o eido volverá ao dominio do primeiro que o vendera, porque era parte da súa herdanza. [25]Toda valoración se fará conforme o valor do siclo do santuario: cada siclo vale vinte óbolos.

### Os primoxénitos

[26]A primeira cría do gando, que por ser primoxénito pertence ao Señor, non poderá ser ofrecida como voto, será xa do Señor, sexa tenreiro, sexa de gando miúdo. [27]Se fose animal impuro, poderase rescatar polo prezo avaliado, engadíndolle un quinto; pero se non se rescata, venderase polo prezo taxado.

### O anatema

[28]Calquera ofrenda en anatema que alguén lle fai ao Señor de todo canto lle pertence, sexa persoa, animal ou terra, non se poderá vender nin rescatar: será totalmente consagrada ao Señor. [29]Nin sequera un ser humano, que foi ofrecido en anatema ao Señor, poderá ser rescatado: terá que morrer.

### Os décimos

[30]O décimo enteiro, tanto da terra coma da semente da terra ou do froito das árbores, será do Señor: é cousa sagrada para Iavé. [31]Se alguén quere rescatar o seu décimo, pagará un quinto máis do prezo avaliado. [32]Todo décimo de gando grande ou pequeno, é dicir, cada décima cabeza que pase por debaixo do caxato, será consagrado ao Señor. [33]Non se escollerá entre bo ou malo, nin se poderá trocar. Se alguén o cambiase, tanto o animal trocado coma o outro, serán sagrados, non se poderán rescatar.

[34]Estes son os mandamentos, que o Señor lle ordenou a Moisés para os fillos de Israel no monte Sinaí.

**27**, 29 A ofrenda en anatema era a máis grave que se podía facer e non admitía nin rescate, nin substitución: habíaa que destruír, aínda que fose un ser humano. No mundo da Biblia casos destes déronse poucos, en comparación cos outros pobos antigos.

# INTRODUCIÓN A NÚMEROS

## 1. Título e mensaxe fundamental

*A versión grega alexandrina chámalle* Números *ao cuarto libro do Pentateuco, a causa dos "censos" que se contan nos capítulos* ***1-4****.*

*Ademais diso, este libro conta diversos acontecementos dos que xa se falou no Éxodo e contén repetidas moitas das leis do Levítico. Mestura a narración da marcha de Israel polo deserto coas súas tribulacións de fame e sede, protestas, murmuracións e revoltas, con leis, poemas e oráculos, como os de Balaam (****22-24****).*

## 2. Xeografía do itinerario

*Este defecto de orde queda compensado dalgunha maneira pola xeografía do itinerario, que se fixa fundamentalmente en tres lugares: Sinaí (****1-10****); Deserto de Cadex (****10-21****); e nas Chairas de Moab (****22-36****).*

## 3. Contidos do libro e tipoloxía recollida no Novo Testamento

*Durante os corenta hipotéticos anos de vida no deserto, o pobo foi sometido a duras probas, nas que sentiu a tentación de volver a Exipto, desconfiando do poder de Deus e da lexitimidade da misión de Moisés, que tivo que facer uso, máis dunha vez, da súa autoridade castigando con severidade aos rebeldes.*

*Algúns dos feitos descritos no libro, coma o da serpe de bronce (****21****, 4-9), a sedición de Coré, Datán e Abiram (****16****), a auga nacida no penedo (****20****, 8ss), os vaticinios de Balaam (****22-24****) e outros, foron recoñecidos como tipos ou figuras do Novo Testamento (Xn* ***3****, 14-15; 1 Cor* ***10****, 1-11; Heb* ***3****, 12-19).*

## 4. Tradicións recollidas e tempo de redacción do libro

*Aínda que a redacción definitiva do libro se fixo despois do exilio, contén moito material antigo, que se remonta ao tempo de Moisés. En máis ou menos cantidade atopamos en Números material procedente de todas as tradicións do Pentateuco. Como é lóxico, abunda máis a sacerdotal, que desde* ***1****, 1 ata* ***10****, 28 non foi interrompida con ningunha outra e contén diversas disposicións acerca da organización das tribos, con listas, xenealoxías e novas prescricións complementarias, que nos fan pensar nos tempos da restauración da comunidade teocrática despois do exilio, que busca as súas raíces ao pé do Sinaí.*

# NÚMEROS

## I. ÚLTIMAS DISPOSICIÓNS ANTES DE PARTIR DO SINAÍ

### Censo das tribos de Israel

**1** [1]No deserto do Sinaí, na Tenda do
Encontro, no primeiro día do segundo mes,
no segundo ano despois da saída do país de
Exipto, díxolle o Señor a Moisés: [2]–Facede o
censo xeral de todos os israelitas, por familias
e por casas patriarcais, escribindo o nome de
cada un dos homes, [3]dos vinte anos para arriba,
capaces de manexar as armas en Israel. Alistádeos para os respectivos exércitos, ti e Aharón.
[4]Teredes presentes convosco un home de cada
tribo, o xefe de cada familia patriarcal.

[5]Os nomes dos homes que estarán convosco serán estes:

De Rubén, Elisur, fillo de Xedeur.
[6]De Simeón, Xelumiel, fillo de Surixadai.
[7]De Xudá, Nahxón, fillo de Aminadab.
[8]De Isacar, Natanael, fillo de Suar.
[9]De Zebulón, Eliab, fillo de Helón.
[10]Dos fillos de Xosé: por Efraím, Elixamá, fillo de Ammihud; por Menaxés, Gamaliel, fillo de Pedahsur.
[11]De Benxamín, Abidán, fillo de Guideón.
[12]De Dan, Ahiezer, fillo de Amixadai.
[13]De Axer, Paguiel, fillo de Ocrán.
[14]De Gad, Eliasaf, fillo de Deuel.
[15]De Naftalí, Ahira, fillo de Enán.

[16]Estes son os escollidos como cabezas das respectivas familias patriarcais; son xefes de milleiros en Israel.

[17]Moisés e Aharón rexistraron a todos estes homes chamados polo seu nome, [18]e mandaron xuntar a toda a comunidade no primeiro día do mes segundo. Fixeron o seu censo por familias e por casas patriarcais, rexistrando o nome de cada home de máis de vinte anos, xunto co seu xefe correspondente, [19]conforme o tiña mandado Iavé a Moisés. Fixo o censo no deserto do Sinaí.

[20]Dos descendentes de Rubén, primoxénito de Israel, contados por familias e por casas patriarcais, rexistraron os nomes dos homes de máis de vinte anos, todos os que podían ir á guerra: [21]total corenta e seis mil cincocentos da tribo de Rubén.

[22]Dos descendentes de Simeón, feito o reconto da súa tribo por familias e por casas patriarcais, chamados polo nome xunto co seu xefe, todos os homes, que podían ir á guerra, de vinte anos para arriba: [23]foron cincuenta e nove mil trescentos da tribo de Simeón.

[24]Dos descendentes de Gad, feito o reconto da súa tribo por familias e casas patriarcais, chamados polo seu nome, os que podían ir á guerra de máis de vinte anos para arriba: [25]contáronse corenta e cinco mil seiscentos cincuenta da tribo de Gad.

[26]Dos descendentes de Xudá por familias e por casas patriarcais, o número dos nomes dos homes de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [27]contaron setenta e catro mil seiscentos da tribo de Xudá.

[28]Dos descendentes de Isacar, por familias e casas patriarcais, chamados polo nome do seu xefe, os homes de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [29]foron contados cincuenta e catro mil catrocentos da tribo de Isacar.

[30]Dos descendentes de Zebulón, por familias e casas patriarcais, o número dos nomes dos homes, de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [31]o total foi de cincuenta e sete mil catrocentos da tribo de Zebulón.

[32]Dos descendentes de Xosé, os fillos de Efraím por familias e casas patriarcais, chamados polo nome dos homes de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [33]feito o reconto, deu un total de corenta mil cincocentos da tribo de Efraím.

[34]Dos fillos de Menaxés, por familias e casas patriarcais, chamados polo nome, os homes de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [35]feito o reconto da tribo de Menaxés, deu un total de trinta e dous mil douscentos.

[36]Dos descendentes de Benxamín, por familias e casas patriarcais, chamados polo nome os homes de vinte anos para arriba, to-

**1**, 1 *Tenda do Encontro*, así chamada porque era alí onde se reunían os israelitas para solucionar os preitos e demais asuntos comúns diante do tabernáculo, que se consideraba como morada de Deus e onde celebraban as asembleas relixiosas.

**1**, 2 O novo censo, prescrito por Deus en contraste con 2 Sam **24**, 1ss, por familias e casas patriarcais en que se dividen as tribos, tiña importancia xurídica, xa que as terras estaban repartidas segundo os nomes dos epónimos respectivos.

**1**, 3 "Élef" significa "milleiro", pero aquí ten un sentido militar máis que numérico. Por iso pode traducirse por batallóns, lexións ou escuadróns, que dificilmente pasarán de cen. Isto faría rebaixar considerablemente a suma do v. 46, que sen dúbida é excesiva, pois daría unha poboación total duns dous millóns e medio, que sería imposible conducir polo deserto.

dos os que podían ir á guerra: [37]o reconto deu un total de trinta e cinco mil catrocentos da tribo de Benxamín.

[38]Dos descendentes de Dan, por familias e casas patriarcais, chamados polo nome os homes de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [39]feito o reconto, deu un total de sesenta e dous mil setecentos da tribo de Dan.

[40]Dos descendentes de Axer, por familias e casas patriarcais, chamados polo nome os homes de máis de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [41]feito o reconto, deu un total de corenta e un mil cincocentos da tribo de Axer.

[42]Dos descendentes de Naftalí, por familias e casas patriarcais, chamados polo nome os homes de vinte anos para arriba, todos os que podían ir á guerra: [43]feito o reconto, deu un total de cincuenta e tres mil catrocentos da tribo de Naftalí.

[44]Estes son os que foron censados por Moisés e Aharón e polos xefes dos israelitas: doce homes, un por cada tribo, representando a súa casa patriarcal. [45]O total dos contados dos fillos de Israel por casas patriarcais, homes de vinte anos para arriba, os que podían ir á guerra en Israel, [46]por xunto todos os censados son seiscentos tres mil cincocentos cincuenta homes.

### Funcións propias dos levitas

[47]Os levitas, con todo, non foron rexistrados entre os alistados para a guerra, segundo as casas patriarcais da súa tribo. [48]O Señor dixéralle a Moisés: [49]—Non debes alistar aos da tribo de Leví, nin aos seus cabezas de familia entre os fillos de Israel. [50]Débeslles confiar a eles o coidado da Morada do Testemuño e de todos os seus vasos sagrados e de canto pertence ás cerimonias. Soamente eles os poderán transportar e soamente eles os poderán manexar e meter na Tenda da Alianza. Acamparán arredor do tabernáculo. [51]Cando o tabernáculo teña que ser transportado, só eles poderán desarmalo, e cando teñan que erguelo, serán os levitas quen o farán; calquera estraño que se achegue para tocalo, será castigado coa morte. [52]Os fillos de Israel erguerán as súas tendas, cada un no propio campamento, onda a correspondente bandeira. [53]Pero os levitas acamparán arredor do Tabernáculo do Testemuño, de tal xeito que os fillos de Israel non caian no castigo de Deus. Soamente a eles lles corresponde gardar o Tabernáculo do Testemuño.

[54]Os fillos de Israel cumpriron todas estas cousas, facéndoas conforme lle tiña ordenado o Señor a Moisés.

### Orde das tribos nos campamentos

**2** [1]Díxolle o Señor a Moisés: [2]—Que cada un acampe baixo a súa insignia e estandarte propio da súa familia patriarcal, arredor da Tenda da Alianza.

[3]Os acampados pola parte do oriente, baixo o seu estandarte de guerra no campamento, serán os soldados de Xudá, que levan á fronte do seu batallón a Nahxón, fillo de Aminadab. [4]O seu número total é de setenta e catro mil seiscentos. [5]Acamparán ao seu lado os da tribo de Isacar, levando á súa cabeza a Natanael, fillo de Suar. [6]Os soldados alistados son cincuenta e catro mil catrocentos. [7]Logo, a tribo de Zebulón. O xefe dos seus soldados é Eliab, fillo de Helón. [8]Todo o corpo dos seus homes de guerra alistados son cincuenta e sete mil catrocentos. [9]O total dos censados da tribo de Xudá, no campamento, cento oitenta e seis mil catrocentos homes de guerra. Serán os primeiros en saír.

[10]Para a parte do mediodía poranse as insignias da tribo de Rubén en orde de batalla. O xefe dos soldados de Rubén é Elisur, fillo de Xedeur; [11]o número de soldados é de corenta e seis mil cincocentos. [12]Ao seu lado acamparán os da tribo de Simeón, levando por xefe a Xelumiel, fillo de Surixadai. [13]O exército dos alistados suma cincuenta e nove mil trescentos. [14]Logo a tribo de Gad con Eliasaf, fillo de Deuel, por xefe. [15]Contado todo o seu exército, foron corenta e cinco mil seiscentos cincuenta. [16]O total dos alistados no campamento de Rubén foi de cento cincuenta e un mil catrocentos cincuenta, que saíron os segundos por escuadróns.

[17]Despois irá a Tenda da Alianza do campamento, levada polos levitas, no medio dos batallóns, tal e como estaban acampados. Así camiñarán, cada un baixo as súas insignias, levadas en alto nas mans.

[18]A insignia do batallón de Efraím situarase no campamento pola parte do occidente, levando por xefe a Elixamá, fillo de Amihud. [19]Os censados dos descendentes de Efraím foron corenta mil cincocentos. [20]Á beira de-

**1**, 50 *Morada do Testemuño*, porque dentro se gardaba a arca coas táboas da Lei = O Testemuño.

**2**, 3 Ten o primeiro posto a tribo de Xudá, pola primacía que lle corresponde na época da monarquía davídica e despois do desterro de Babilonia.

**2**, 17 No centro dos batallóns das outras tribos sitúase aos levitas, que terán sempre o protagonismo do goberno nos tempos da hierocracia. A distribución é simétrica á colocación do Templo no medio das tribos en Palestina (cf Ez **48**, 1-29).

ses acampa a tribo de Menaxés, levando por xefe a Gamaliel, fillo de Pedahsur. [21]Compoñen o batallón trinta e dous mil douscentos censados. [22]A tribo de Benxamín, con Abidán, fillo de Guideón, por xefe dos seus homes, [23]conta no seu batallón trinta e cinco mil catrocentos censados. [24]O total dos censados no batallón de Efraím é de cento oito mil cen homes por escuadróns, e sairán os terceiros.

[25]Por xefe do batallón dos fillos de Dan, irá Ahiézer, fillo de Amixadai, que erguerá a súa insignia polo norte. [26]O número de homes censados é de sesenta e dous mil setecentos. [27]Ao seu lado acampa a tribo de Axer, levando por xefe a Paguiel, fillo de Ocrán. [28]O número dos censados é de corenta e un mil cincocentos. [29]Vai logo a tribo de Naftalí, que leva por xefe a Ahirá, fillo de Enán. [30]E conta con cincuenta e tres mil catrocentos censados. [31]O total do batallón de Dan suma cento cincuenta e sete mil seiscentos e sairán os derradeiros, seguindo as súas insignias.

[32]Feitas as listas dos israelitas por casas patriarcais, todos os censados nos campamentos por escuadróns, dan por xunto seiscentos tres mil cincocentos cincuenta homes. [33]Os levitas non foron censados cos demais israelitas, porque así llo mandara o Señor a Moisés. [34]E facían os israelitas canto lle mandara o Señor a Moisés, sexa cando acampaban arredor da súa insignia, sexa cando se puñan en camiño, cada un coa súa familia e casa patriarcal.

### Número e funcións dos levitas

**3** [1]Estes son os descendentes de Moisés e Aharón, no día en que lle falou o Señor a Moisés no monte Sinaí. [2]E os nomes dos fillos de Aharón son: Nadab, o seu primoxénito, Abihú, Elazar e Itamar. [3]Estes son os nomes dos fillos de Aharón, consagrados e unxidos, para exerceren o sacerdocio con plenitude de poderes. [4]Mortos Nadab e Abihú na presenza do Señor, por prenderen un lume profano diante del no deserto do Sinaí, e non deixando fillos, quedaron só Elazar e Itamar para exercer o sacerdocio baixo a autoridade do seu pai Aharón.

[5]Díxolle o Señor a Moisés: [6]–Manda vir os da tribo de Leví á presenza de Aharón, para que o axuden no seu servizo. [7]Encargaranse de facer todas as gardas que lles correspondan a el e á comunidade reunida na Tenda do Testemuño e farán así todos os servizos do tabernáculo. [8]Coidarán todos os ornamentos e demais obxectos da Tenda da Alianza e procurarán todo canto lles cumpra aos israelitas reunidos no tabernáculo. [9]Porás os levitas baixo as ordes de Aharón e de seus fillos, e serán como unha oblación perfecta de entre os fillos de Israel para o seu servizo. [10]Para Aharón e seus fillos farás un estatuto das funcións que eles poderán desempeñar no exercicio do seu sacerdocio; calquera estraño que llelas queira usurpar será castigado coa morte.

[11]Díxolle o Señor a Moisés: [12]–Velaí que eu escollín de entre os fillos de Israel os levitas no lugar de todos os primoxénitos, de todos os que abren o seo materno, entre os fillos de Israel. Os levitas serán da miña pertenza, [13]porque todo primoxénito é meu, desde o día en que ferín a todos os primoxénitos na terra de Exipto e consagrei para min todo primoxénito de Israel, tanto dos homes como dos animais. Serán meus. Eu son o Señor.

[14]Díxolle o Señor a Moisés no deserto do Sinaí: [15]–Alista a todos os fillos de Leví por casas patriarcais e por familias, a todos os homes desde un mes para arriba.

[16]Moisés fixo o censo conforme a palabra do Señor, tal como lle ordenara facer. [17]Estes son os fillos de Leví polo seu nome: Guerxón, Quehat e Merarí. [18]E estoutros son os nomes dos fillos de Guerxón, segundo as súas familias: Libní e Ximí. [19]E os fillos de Quehat, conforme as súas familias: Amrán, Ishar, Hebrón e Uziel. [20]Os fillos de Merarí conforme as súas familias: Mahlí e Muxí. Estas son as familias de Leví polas súas casas patriarcais.

[21]De Guerxón naceu a familia de Libní e a de Ximí, ambos os dous son os guerxonitas. [22]Anotados por número todos os homes dun mes para arriba, deu un total de sete mil cincocentos. [23]As familias dos guerxonitas acampaban detrás do tabernáculo pola banda do solpor. [24]O xefe da casa dos guerxonitas era Eliasaf, fillo de Lael. [25]Ao coidado dos fillos de Guerxón, tanto na Tenda do Encontro coma no tabernáculo, estaba a tenda mesma, a súa cuberta e a cortina de entrada na Tenda do Encontro, [26]as cortinas do adro, a cortina da entrada do mesmo, que se pon por enriba e ao redor do altar, e as cordas e todos os demais utensilios.

**3**, 4 Ver Lev **10**, 1-3.

**3**, 12s *Os primoxénitos* todos de cada unha das tribos tiñan que ser consagrados ao servizo do culto. Ademais de ser un número excesivo, resultaría moi difícil o ensino e educación oportuna: por iso son substituídos polos fillos varóns da tribo de Leví, servindo de "rescate" por todos (ver v. 41).

**3**, 15 Manda alistalos ao mes de nacer e non aos vinte anos, porque quedan consagrados a Iavé, como "rescate" dos primoxénitos das outras tribos, e non só dedicados a un servizo (ver Éx **13**, 2-3; Lev **27**, 26).

[27]De Quehat descenden as familias de Amraní, de Isharí, de Hebrón e de Uziel: todos eles son a familia de Quehat. [28]Os nomes de todos os homes de máis dun mes para arriba suman un total de oito mil seiscentos, todos eles encargados da custodia do santuario. [29]As familias dos descendentes de Quehat acampaban a carón do tabernáculo polo mediodía. [30]O xefe dos quehatitas era Elisafán, fillo de Uziel. [31]Tiñan ao seu cargo o coidado da Arca, da mesa, do candelabro, dos altares e demais utensilios sagrados do culto, da cortina e de todo o que se precisa no seu servizo. [32]O xefe supremo dos levitas era Elazar, fillo do sacerdote Aharón, a quen tiñan que obedecer todos os encargados do coidado do santuario.

[33]De Merarí descenden as familias de Mahlí e de Muxí: estas son as familias meratitas. [34]Censados todos os homes de máis dun mes para arriba, fixeron un total de seis mil douscentos. [35]O cabeza da casa patriarcal de Merarí era Suriel, fillo de Abihail, e tiñan que acampar polo costado norte do santuario. [36]Ao cargo dos fillos de Merarí estaba coidar as táboas do tabernáculo, as trabes, as columnas coas súas bases e todos os demais utensilios precisos para o seu servizo; [37]e tamén as columnas que están ao redor do adro, coas súas bases, cravos e cordas. [38]Os que acamparan diante do tabernáculo, diante da Tenda do Encontro, polo abrente, son Moisés, Aharón, os seus fillos e os encargados das quendas da garda do santuario dos fillos de Israel; calquera estraño que se achegue, será condenado a morte.

[39]O número de todos os levitas anotados por Moisés e Aharón, conforme a palabra do Señor, segundo a súa familia, todos os homes de máis dun mes, sumaron un total de vinte e dous mil.

### Os levitas substitúen aos primoxénitos

[40]Díxolle o Señor a Moisés: –Anota a todos os primoxénitos homes dos fillos de Israel, dun mes para arriba, e fai unha lista de todos os seus nomes. [41]Collerás para min, Eu son o Señor!, todos os levitas no canto dos primoxénitos dos israelitas e os animais dos levitas no canto de todos os primoxénitos dos animais dos israelitas.

[42]Moisés anotou, como lle mandara facer o Señor, todos os primoxénitos dos fillos de Israel. [43]Contados todos os nomes dos homes primoxénitos dun mes para arriba, deu un total de vinte e dous mil douscentos setenta e tres.

[44]O Señor díxolle de novo a Moisés: [45]–Colle os levitas no canto de todos os primoxénitos dos fillos de Israel e os animais dos levitas no canto dos animais dos israelitas: serán todos para min. Eu son o Señor! [46]Como prezo do rescate polos douscentos setenta e tres primoxénitos dos israelitas que exceden do número dos levitas, [47]recibirás, por cada un, cinco siclos, do valor dos siclos de santuario, de vinte óbolos cada siclo. [48]Entregarás o diñeiro a Aharón e a seus fillos, é o prezo do rescate polos que exceden do seu número.

[49]Colleu Moisés o diñeiro do rescate polos que excedían do número dos rescatados polos levitas. [50]Polos primoxénitos dos fillos de Israel, colleu en diñeiro mil trescentos setenta e cinco siclos, dos do santuario. [51]E Moisés deulles o diñeiro do rescate a Aharón e a seus fillos, tal como llo mandara o Señor.

### Funcións dos levitas

**4** [1]Díxolles o Señor a Moisés e Aharón: [2]–Fai o censo dos descendentes de Quehat, entre os fillos de Leví, por familias, segundo as súas casas patriarcais; [3]desde trinta anos para arriba ata a idade de cincuenta anos, todos cantos poidan ir á guerra, e que se encarguen do servizo litúrxico na Tenda do Encontro.

[4]Estes serán os servizos dos fillos de Quehat na Tenda do Encontro: as tarefas máis sagradas. [5]Cando se teña que cambiar o campamento, virán Aharón e seus fillos e farán baixar a cortina de protección e taparán con ela a Arca da Alianza. [6]E poranlle enriba a cuberta de pel de teixugo e estenderán por riba un pano todo de púrpura violeta e logo colocarán os varais. [7]Cubrirán a mesa da proposición cun pano de púrpura violeta e pousarán por riba as fontes, os pratos, as cuncas e as copas de libacións; e o pan perpetuo. [8]Estenderán por riba de todo isto un pano escarlata, que cubrirán cunha cuberta de pel de teixugo, e colocaranlle os varais de transporte. [9]Entón collerán o pano de púrpura violeta e envolverán o candelabro do alumado e as súas lámpadas, as súas tenaces e pinzas e todos os demais vasos de aceite, dos que se usan no servizo do candelabro. [10]Envolverán todo nun coiro fino e pousarano sobre os varais. [11]Encol do altar de ouro estenderán un pano de púrpura violeta e taparano cunha pel de teixugo e colocarano nos varais. [12]Collerán todos os utensilios que se usan no servizo do santuario, colocaranos no pano de

**4**, 1 Repítense algunhas leis do capítulo anterior, adaptadas sen dúbida a situacións máis serodias.

**4**, 3 Entran no servizo aos trinta anos. Cinco máis ca os outros. Quizais se deba ao traballo máis duro de transportar os obxectos pesados da Tenda. Cando residan en Xerusalén, rebaixarán a vinte anos (1 Cro **23**, 24-26).

púrpura violeta, taparanos coa pel de teixugo
e colocaranos sobre os varais. 13Limparán as
cinsas do altar e estenderán enriba o pano de
púrpura. 14Sobre el porán todos os utensilios
usados no servizo: os braseiros, as tenaces,
e os tridentes, os garfos e as pas, e todos os
outros utensilios do altar, e estenderán enriba
unha pel de teixugo e colocaranlle os varais.
15Cando Aharón e os seus fillos dean envol-
to todos os obxectos do santuario con todos os
seus utensilios sagrados, para pór en marcha
o campamento, virán os fillos de Quehat para
levalo, pero non poderán tocar nada sagrado,
pois morrerían. Este é o cargo que teñen os
fillos de Quehat, referente á Tenda do Encon-
tro. 16Ao cargo de Elazar, fillo de Aharón, sa-
cerdote, estará o aceite para alumar, o incenso
para o recendo da ofrenda perpetua, o óleo da
unción; o coidado de todo o tabernáculo e de
todas as cousas que hai nel, tanto o tocante ao
santuario como aos seus utensilios.
17Díxolles o Señor a Moisés e Aharón:
18–Non deixedes desaparecer as familias de
Quehat do medio dos demais levitas. 19Para
que vivan e non morran, habedes proceder
con eles deste xeito: cando teñan que se ache-
gar ás cousas sagradas do santuario, Aharón
e seus fillos entrarán e sinalaranlles cadanseu
servizo e cargo. 20Non entren eles para ver as
cousas sagradas, nin sequera cando as están
tapando, porque morrerían.

### Os fillos de Guerxón

21Díxolle o Señor a Moisés: 22–Fai tamén
o censo dos fillos de Guerxón por familias
e casas patriarcais. 23Desde os de trinta anos
para arriba ata os de cincuenta anos e anota
todos os que sexan capaces para o servizo da
Tenda do Encontro. 24Estes son os cargos das
familias de Guerxón e os seus traballos: 25le-
varán as cortinas do tabernáculo e da Tenda
do Encontro, as súas cubertas e os coiros de
teixugo que se usan para cubrilos por riba,
a cortina da entrada da Tenda do Encontro,
26as cortinas do adro e as da entrada da porta
do adro, os panos cos que se cobre o taber-
náculo e o altar por todo o arredor, as cor-
das e todos os demais utensilios para o seu
servizo e ensinaraslles o que teñen que facer
con eles. 27Conforme as ordes de Aharón e de
seus fillos, distribuiranse os cargos dos fillos
de Guerxón con todas as funcións e servizos
correspondentes, que lles encomendaredes
en cada caso. 28Estes son os cargos dos fillos
de Guerxón na Tenda do Encontro. No refe-
rente ás gardas, estarán baixo a autoridade de
Itamar, fillo do sacerdote Aharón.

### Os meraritas

29Censarás os fillos de Merarí, por fa-
milias e casas patriarcais. 30Farás o censo
dos homes de trinta anos para arriba ata os
cincuenta anos, todos os que sexan capaces
para o servizo da Tenda do Encontro. 31Estes
son todos os traballos de que se encargarán
na Tenda do Encontro: levarán as táboas do
tabernáculo, os seus varais, as columnas, as
súas bases, 32e tamén as columnas que están
ao redor do adro coas súas bases, as súas
estacas e as cordas con todos os accesorios
correspondentes. Apuntaredes co nome de-
les os utensilios que teñen que gardar por
cargo. 33Estes son os traballos que lles co-
rresponden aos fillos das familias de Merarí,
referentes todos aos servizos da Tenda do
Encontro, baixo a autoridade de Itamar, fillo
do sacerdote Aharón.

### Censo dos levitas

34Moisés, Aharón e os príncipes da comu-
nidade fixeron o censo dos fillos de Quehat
por familias e casas patriarcais. 35De trinta
anos para arriba ata os cincuenta, todos os
que eran capaces para o servizo na Tenda do
Encontro. 36Os censados por familias suma-
ron dous mil setecentos cincuenta. 37Estes
son os censados da familia de Quehat que
Moisés e Aharón dedicaron ao servizo da
Tenda do Encontro conforme as ordes do Se-
ñor, baixo a autoridade de Moisés. 38Os fillos
de Guerxón anotados por familias e casas pa-
triarcais, 39desde a idade de trinta anos para
arriba ata os cincuenta, todos os que tiñan
de ingresar no servizo da Tenda do Encon-
tro, 40contados por familias e casas patriar-
cais, foron dous mil seiscentos trinta en total.
41Estes son os contados por familias de entre
os fillos de Guerxón, todos os que servían na
Tenda do Encontro, que censaron Moisés e
Aharón segundo as ordes do Señor. 42Os fi-
llos de Merarí anotados por familias e casas
patriarcais, 43desde trinta anos para arriba ata
a idade de cincuenta anos, todos os que tiñan
que ingresar no servizo da Tenda do Encon-
tro, 44contados por familias, sumaron en total
tres mil douscentos. 45Estes son os censados
da familia de Merarí, que anotaron Moisés e
Aharón seguindo as ordes do Señor, baixo a
autoridade de Moisés.
46O total dos censados por Moisés, Aharón
e os xefes de familia de Israel, dos descen-
dentes de Leví por familias e casas patriar-
cais, 47de trinta anos para arriba ata cincuen-
ta, todos os que tiñan que ingresar no servizo
da Tenda do Encontro da comunidade, se-

gundo os respectivos cargos, [48]sumaron oito mil cincocentos oitenta. [49]Conforme as ordes do Señor, Moisés censounos un por un, segundo os servizos que debían desempeñar. Os designados foron aqueles que o Señor lle mandara a Moisés.

### Leis hixiénicas e sociais

**5** [1]Díxolle o Señor a Moisés: [2]–Manda aos fillos de Israel que boten fóra do campamento a todo leproso, a todo o que padece gonorrea e a todo o contaminado por un cadáver. [3]Sexa home ou muller, botádeos fóra do campamento, para que non contaminen o lugar onde moro eu no medio deles.

[4]Os fillos de Israel fixérono así e botáronos fóra do campamento. Tal como llo mandara o Señor a Moisés, así o fixeron.

[5]Díxolle o Señor a Moisés: [6]–Dilles aos fillos de Israel: o home ou a muller que cometa unha inxustiza contra o seu próximo, ofendendo así ao Señor e volvéndose culpable, [7]confesará o pecado cometido e restituirá todo o dano causado, co recargo dun quinto, e entregarallo a aquel a quen llo fixera. [8]Se xa non houber un parente a quen restituír, o que se había de restituír ofrecerallo ao Señor, sendo para o sacerdote, e ademais ofrecerá o carneiro da expiación para conseguir a súa purificación. [9]A ofrenda de toda clase de cousas que ofrezan os fillos de Israel ao sacerdote, pertenceralle a este. [10]A ofrenda sagrada de cada home será del mesmo, mais a que un dá para o sacerdote, será deste.

[11]Faloulle o Señor a Moisés: [12]–Dilles aos fillos de Israel: Todo home a quen a súa muller se lle extravía e comete contra el infidelidade, [13]e dorme con outro home, pero a infidelidade non chega ao coñecemento do marido, por cometela en segredo e non existir testemuña ningunha contra ela nin ser sorprendida no acto; [14]se entón o espírito dos celos se apodera do home e este se cela da súa muller, sexa que ela cometese infidelidade, sexa que non a cometese, [15]o home levará a súa muller ante o sacerdote e fará unha ofrenda por ela: un décimo de *efah* de fariña de cebada, sen lle botar o aceite nin lle pór enriba o incenso, por tratarse dunha ofrenda de celos para descubrir unha falta. [16]O sacerdote fará que se poña de pé diante do altar, na presenza do Señor. [17]Tomará o sacerdote auga bendita nun vaso de barro cocido e agarrando po do chan do tabernáculo, mesturarao coa auga. [18]O sacerdote colocará de pé á muller diante do Señor, descubriralle a cabeza e porá nas súas mans a ofrenda que serve de recordatorio dos celos; mentres, el agarrará na súa man as augas amargas da maldición. [19]O sacerdote esconxurará á muller dicíndolle: "Se ningún home estraño durmiu contigo e se non cometiches ningunha infidelidade contra o teu home, que te vexas libre da maldición destas augas amargas. [20]Mais se te apartaches do teu home e te manchaches dándote a outro home distinto do teu, deitándote con el [21](o sacerdote mandaralle facer o xuramento da maldición á muller, e diralle:) faga o Señor baixar contra ti a maldición e fágate maldita no medio do teu pobo; que as túas pernas perdan as forzas e que inche o teu ventre; [22]que estas augas amargas da maldición entren nas túas entrañas e che fagan inchar o ventre e enfraquecer as coxas". A muller responderá: "Amén, amén".

[23]O sacerdote escribirá logo esta maldición nunha folla, que botará moída nas augas amargas. [24]Despois faralle beber á muller estas augas amargas da maldición, que entrarán nela. [25]E collerá o sacerdote da man da muller a ofrenda dos celos e axitaraa diante do Señor e ofreceraa sobre o altar.

[26]E collerá o sacerdote unha manchea de gran da ofrenda e queimaraa no altar; e despois daralle a beber as augas á muller. [27]Despois que a muller as beba, se ela de verdade está manchada por cometer unha infidelidade contra o seu home, ao entraren nela as augas amargas da maldición, incharalle o ventre e enfraqueceranlle as coxas e a muller será aldraxada por todo o seu pobo. [28]Pero se a muller non ten culpa, senón que é inocente, non lle fará mal ningún, recobrará a honra e terá descendencia.

**5**, 10 *O sacerdote* ten parte en toda ofrenda pacífica. Separada esa parte, o resto perténcelle a quen a presenta (ver Lev **7**, 11-21).

**5**, 11ss É un xuízo de Deus, chamado "ordalía", que era coñecido xa no terceiro milenio a. C. entre os sumerios. Máis tarde atópase nas leis asirias e babilonias, alongándose o uso ata o medievo. Obedecía á convicción certa de que Deus interviña para descubrir e castigar un pecado oculto e do que non había testemuñas, como requiría a xustiza humana. Os elementos de que consta o proceso son moi antigos e de procedencia diferente e non están exentos de certo carácter máxico: a auga mesturada con po do santuario, o xuramento, as verbas escritas e a obriga de beber todo. A aquilo engadíase unha ofrenda de sacrificio en honor de Deus como requisito para que se manifeste a inocencia ou a culpabilidade da persoa sobre a que cae a sospeita.

[29]Esta é a lei dos celos, pola que se rexerá a
muller que, apartándose do seu home, come-
te algunha infidelidade; [30]e tamén do home,
en quen entra o espírito dos celos e entra en
sospeita contra a súa muller. El faraa compa-
recer diante do Señor, para que o sacerdote
a someta a toda esta lei. [31]O marido quedará
limpo de culpa e a muller cargará con toda a
súa iniquidade.

### A lei dos nazireos

**6** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Dilles aos
fillos de Israel: Calquera home ou muller
que fagan voto de nazireato e queiran consa-
grarse ao Señor, [3]non poderán beber viño nin
bebidas embriagadoras, nin vinagre de viño,
nin outras bebidas fermentadas de uva, nin
comerá uvas frescas ou pasas. [4]Mentres lles
dure o nazireato, non tomarán nada que veña
do froito das cepas, nin das sementes nin do
bagazo. [5]En todo o tempo do nazireato non
pasará a navalla pola cabeza, ata que se com-
pleten os días da súa consagración ao Señor:
será reservado para o Señor e deixará crecer
os cabelos da súa cabeza. [6]En todo o tempo
da súa consagración ao Señor como nazireo
non poderá tocar o cadáver de ningún morto.
[7]Para non se contaminar, non se achegará ao
cadáver nin de seu pai, nin de súa nai, nin
de seu irmán, nin de súa irmá, porque leva
na súa cabeza o sinal de estar consagrado a
Deus. [8]Durante todo o tempo do seu nazirea-
to está consagrado ao Señor.

[9]Mais se por un casual morre de súpeto al-
guén á súa beira e queda impuro o sinal do
nazireato que leva na cabeza, rapará logo a
cabeza no día da súa purificación, isto é, no
sétimo día. [10]E no oitavo día irá onda o sacer-
dote á porta da Tenda do Encontro, levando
dúas rulas ou dous pombiños. [11]O sacerdote
fará o sacrificio con un deles polo pecado e
ofrecerá o outro en holocausto para expiar
por el, para lle borrar a mancha contraída por
se achegar ao cadáver. Quedará purificada a
súa cabeza nese mesmo día. [12]Consagrará de
novo ao Señor os días do seu voto de nazi-
reo, e presentará un año dun ano para expiar
pola culpa e non lle valerán os días do voto
xa pasados, porque foi contaminado o seu
nazireato.

### Final do tempo do nazireato

[13]Esta é a lei do nazireato: o día en que
se complete o prazo do seu nazireato, será
conducido á entrada da Tenda do Encontro
[14]e ofrecerá a súa ofrenda ao Señor: un año
dun ano sen defecto, que se queimará en
holocausto, e unha aña dun ano, tamén sen
defecto para a expiación dos seus pecados, e
un carneiro sen mancha para o sacrificio de
comuñón; [15]e tamén un cesto de bolos de pan
asmo de flor de fariña de trigo, amasada con
aceite, e tortas sen fermento cociñadas con
aceite, e todo o que se precisa para a obla-
ción e as libacións destes sacrificios. [16]O sa-
cerdote presentará todo ao Señor e ofrecerá
o sacrificio expiatorio polo pecado e mais o
holocausto. [17]Ofrecerá o carneiro como sacri-
ficio de comuñón en honor ao Señor, xunto
coas cousas do cesto e ofrecerá ademais as
correspondentes libacións.

[18]Diante da porta da Tenda do Encontro
o nazireo rapará a súa cabeza, recollerá os
cabelos consagrados polo voto de nazireo e
botaraos ao lume, que arde debaixo da ví-
tima dos sacrificios de comuñón. [19]Despois
o sacerdote collerá a pa asada do carneiro e
un bolo de pan sen fermento do cesto dos
ácimos e unha torta sen fermento, e porá
todo isto na palma da man do nazireo, des-
pois que teña acabado de lle rapar a cabe-
za consagrada. [20]O sacerdote abalarao todo
ritualmente diante do Señor: é unha cousa
santa que lle pertence a el, ademais do pei-
to, que tamén abalará, e da perna dianteira,
que presentará ao Señor do mesmo xeito.
Despois disto o nazireo poderá xa beber
viño.

[21]Esta é a lei do nazireo que fixo un voto,
cando presente a súa ofrenda ao Señor para
a súa consagración, ademais do que poida
engadir. Procederá de acordo coas promesas
que fixo ao formular o voto, conforme a lei
do nazireato.

### A bendición solemne

[22]O Señor faloulle a Moisés: [23]–Dilles a
Aharón e a seus fillos: desta maneira habedes
de bendicir os fillos de Israel: [24]Que o Señor
te bendiga e te garde. [25]Que o Señor faga
brillar sobre ti o seu rostro e se compadeza

**6**, 2 *O nazireato* (de "Nazir" = consagrado, afastado) era un voto temporal ou perpetuo, de non beber ningunha bebida fermentada e de non rapar os cabelos, en honra de Deus. Con iso mostraban unha total pertenza a Deus, non só no culto senón en todos os aspectos da vida. Son nazireos famosos Sansón (Xuí **13**, 5) e Samuel (1 Sam **1**, 11), consagrados polas súas respectivas nais antes de nacer. Amós, o profeta (**2**, 11-12), menciona o nazireo ao lado do profeta. No N.T. o Bautista (Lc **1**, 15) e S. Paulo e algúns compañeiros apadriñaron a cerimonia duns xudeus que se fixeron nazireos (Feit **18**, 18; **21**, 23-26).

**6**, 23ss Con estas verbas remataban as celebracións litúrxicas.

de ti. [26]Que o Señor che mostre o seu rostro
e che conceda a paz. [27]Eles invocarán así o
meu nome en favor dos fillos de Israel e eu
bendicireinos.

**As ofrendas dos xefes das tribos de Israel**

**7** [1]E aconteceu que o día en que Moisés
acabou de construír o tabernáculo e
unxilo e mais consagralo con todos os seus
utensilios, consagrou tamén o altar con to-
dos os seus utensilios, [2]os príncipes de Israel
presentaron unha ofrenda, como cabezas das
súas casas patriarcais, isto é, os que eran xe-
fes cando fixeran o censo. [3]Trouxeron como
ofrenda ao Señor seis carros cubertos e doce
bois, un carro por cada un dos xefes e un boi
por cada un, e presentáronos diante do taber-
náculo.

[4]O Señor díxolle a Moisés: [5]–Recibe estas
cousas, para que se dediquen ao servizo da
Tenda do Encontro, e entrégallelas aos levi-
tas, a cada un conforme o seu oficio.

[6]Recibiu Moisés os carros e os bois e déu-
llelos aos levitas. [7]Dous carros e catro bois
déullelos aos fillos de Guerxón, conforme ao
seu servizo. [8]Aos fillos de Merarí entregou-
lles catro carros e oito bois, tamén de acordo
coas necesidades do seu oficio, baixo a auto-
ridade de Itamar, fillo do sacerdote Aharón.
[9]Aos fillos de Quehat, non obstante, non lles
deu nin carro nin bois, porque teñen ao seu
cargo transportar nos ombros as cousas máis
santas. [10]Os xefes presentaron as súas ofren-
das pola dedicación do altar, no día en que foi
unxido: cada un presentou as súas ofrendas
diante do altar.

[11]E díxolle o Señor a Moisés: –Que os
príncipes presenten a súa ofrenda para a de-
dicación do altar, un cada día.

[12]A orde de presentación foi esta: o pri-
meiro día fixo a ofrenda Nahxón, fillo de
Aminadab, pola tribo de Xudá. [13]A súa
ofrenda foi: unha fonte de prata, que pesa-
ba cento trinta siclos e unha artesa de prata
de setenta siclos de peso, conforme o siclo
do santuario, ambas as dúas cheas de flor de
fariña amasada con aceite para a oblación;
[14]unha cunca toda de ouro de dez siclos,
chea de incenso; [15]un xovenco, un carneiro e
un año dun ano para o holocausto; [16]un chi-
bo para o sacrificio de expiación; [17]e para o
sacrificio de comuñón dous bois, cinco car-
neiros, cinco chibos e cinco años dun ano.
Toda esta foi a ofrenda de Nahxón, fillo de
Aminadab.

[18]O segundo día fixo a ofrenda Natanael,
fillo de Suar, príncipe de Isacar. [19]Eis a súa
ofrenda: unha fonte de prata de cento trin-
ta siclos de peso e unha artesa de prata de
setenta siclos de peso, conforme o siclo do
santuario, ambas as dúas cheas de flor de
fariña amasada con aceite para a oblación;
[20]unha cunca toda de ouro de dez siclos, chea
de incenso; [21]un xovenco, un carneiro, un año
dun ano para o holocausto, [22]un chibo para o
sacrificio expiatorio polo pecado; [23]e para o
sacrificio de comuñón, dous bois, cinco car-
neiros, cinco chibos gordos, cinco años dun
ano. Tal foi a ofrenda de Natanael, fillo de
Suar.

[24]O terceiro día ofrendou Eliab, fillo de
Helón, príncipe dos fillos de Zebulón. [25]A
súa ofrenda foi: unha fonte de prata de cento
trinta siclos de peso, unha artesa de prata de
setenta siclos, conforme o siclo do santuario,
ambas as dúas cheas de flor de fariña amasa-
da con aceite para a oblación; [26]unha cunca
de ouro de dez siclos, chea de incenso; [27]un
xovenco, un carneiro, un año dun ano para o
holocausto, [28]un chibo para o sacrificio polo
pecado; [29]e para o sacrificio de comuñón
dous bois, cinco carneiros, cinco chibos gor-
dos, cinco años dun ano. Esta foi a ofrenda
de Eliab, fillo de Helón.

[30]O día cuarto presentou Elisur, fillo de
Xedeur, príncipe dos fillos de Rubén, a súa
ofrenda. [31]A súa ofrenda foi: unha fonte de
prata de cento trinta siclos de peso, unha
artesa de prata de setenta siclos, conforme
o siclo do santuario, ambas as dúas cheas
de óleo de fariña amasado con aceite para
a oblación; [32]unha cunca de ouro de dez
siclos chea de incenso; [33]un xovenco, un
carneiro dun ano para o holocausto, [34]un
chibo para o sacrificio polo pecado; [35]e para
o sacrificio de comuñón dous bois, cinco
carneiros, cinco chibos gordos e cinco años
dun ano. Esta foi toda a ofrenda de Elisur,
fillo de Xedeur.

[36]O día quinto ofrendou Selumiel, fillo
de Surixadai, príncipe dos fillos de Simeón.
[37]A súa ofrenda foi: unha fonte de prata de
cento trinta siclos de peso, conforme ao siclo
do santuario, unha artesa de prata de setenta
siclos de peso, conforme o siclo do santua-
rio, ambas as dúas cheas de óleo de fariña,
amasado con aceite para a oblación; [38]unha
cunca de ouro de lei de dez siclos, chea de
incenso;[39]un xovenco, un carneiro, un año
dun ano para o holocausto; [40]un chibo para
o sacrificio polo pecado; [41]e para o sacrificio
de comuñón dous bois, cinco carneiros, cin-
co años dun ano. Toda esta foi a ofrenda de
Xelumiel, fillo de Surixadai.

42O día sexto, Eliasaf, fillo de Deuel,
príncipe dos fillos de Gad, fixo a súa ofrenda. 43A súa ofrenda foi: unha fonte de prata
de cento trinta siclos de peso e unha artesa
de prata de setenta siclos, conforme o siclo
do santuario, ambas as dúas cheas de óleo
de fariña amasado con aceite para a oblación; 44unha cunca de ouro de dez siclos,
chea de incenso; 45un xovenco, un carneiro,
un año dun ano para o holocausto; 46dous
bois, cinco carneiros, cinco chibos gordos e
cinco años dun ano para o sacrificio de comuñón. 47Toda esta foi a ofrenda de Eliasaf,
fillo de Deuel.

48O día sétimo, Elixamá, fillo de Amihud,
príncipe dos fillos de Efraím, 49fixo a súa
ofrenda, que foi: unha fonte de prata de cento trinta siclos de peso, unha artesa de prata
de setenta siclos, conforme ao siclo do santuario, ambas as dúas cheas de flor de fariña
amasada con aceite para a oblación; 50unha
cunca de ouro de dez siclos, chea de incenso; 51un xovenco, un carneiro e un año dun
ano para o holocausto; 52un chibo para o sacrificio polo pecado; 53dous bois, cinco carneiros, cinco chibos gordos e cinco años dun
ano para o sacrificio de comuñón. Esta foi a
ofrenda de Elixamá, fillo de Amihud.

54O día oitavo, o príncipe dos fillos de Menaxés, Gamaliel, fillo de Pedahsur, 55presentou a súa ofrenda, que foi: unha fonte de prata de cento trinta siclos de peso, unha artesa
de prata de setenta siclos, conforme o siclo
do santuario, ambas as dúas cheas de flor de
fariña, amasada en aceite, para a oblación;
56unha cunca de ouro de dez siclos, chea de
incenso; 57un xovenco, un carneiro e un año
dun ano, para o holocausto; 58un chibo para o
sacrificio polo pecado; 59para o sacrificio de
comuñón, dous bois, cinco carneiros, cinco
años dun ano. Toda esta foi a ofrenda de Gamaliel, fillo de Pedahsur.

60O día noveno o príncipe dos fillos de
Benxamín, Abidán, fillo de Guideón, 61fixo
a súa ofrenda: unha fonte de prata de cento
trinta siclos de peso, unha artesa de prata de setenta siclos, conforme o siclo do
santuario, ambas as dúas cheas de flor de
fariña, amasada en aceite, para a oblación;
62unha cunca de ouro de dez siclos chea de
incenso; 63un xovenco, un carneiro e un
año dun ano para o holocausto; 64un chibo para o sacrificio polo pecado; 65e para
o sacrificio de comuñón, dous bois, cinco
carneiros, cinco chibos gordos e cinco años
dun ano. Esta foi a ofrenda de Abidán, fillo
de Guideón.

66O décimo día, o príncipe dos fillos de
Dan, Ahiézer, fillo de Amixadai, 67presentou
a súa ofrenda: unha fonte de prata de cento
trinta siclos de peso, unha artesa de prata de
setenta siclos, conforme ao siclo do santuario, ambas as dúas cheas de flor de fariña,
amasada en aceite, para a oblación; 68unha
cunca de ouro de dez siclos, chea de incenso; 69un xovenco, un carneiro e un año dun
ano para o holocausto; 70un chibo para o sacrificio polo pecado; 71e para o sacrificio de
comuñón, dous bois, cinco carneiros, cinco
chibos gordos e cinco años dun ano. Esta foi
a ofrenda de Ahiézer, fillo de Amixadai.

72O undécimo día, o príncipe dos fillos de
Axer, Paguiel, fillo de Ocrán, 73presentou a
súa ofrenda: unha fonte de prata, de cento
trinta siclos de peso, unha artesa de prata de
setenta siclos, conforme o siclo do santuario, ambas as dúas cheas de óleo de fariña,
amasado con aceite, para a oblación; 74unha
cunca de ouro de dez siclos, chea de incenso;
75un xovenco, un carneiro e un año dun ano
para o holocausto; 76un chibo para o sacrificio polo pecado; 77para o sacrificio da comuñón, dous bois, cinco carneiros, cinco chibos
gordos e cinco años dun ano. Esta foi a ofrenda de Paguiel, fillo de Ocrán.

78O duodécimo día, o príncipe dos fillos
de Naftalí, Ahirá, fillo de Enán, 79presentou
a súa ofrenda: unha fonte de prata de cento
trinta siclos de peso, unha artesa de prata de
setenta siclos, conforme ao siclo do santuario, ambas as dúas cheas de óleo de fariña
amasado en aceite para a oblación; 80unha
cunca de ouro de dez siclos, cheo de incenso; 81un xovenco, un carneiro e un año dun
ano para o holocausto; 82un chibo para o sacrificio polo pecado; 83e para o sacrificio de
comuñón, dous bois, cinco carneiros, cinco
chibos gordos e cinco años dun ano. Esta foi
a ofrenda de Ahirá, fillo de Enán.

84As ofrendas presentadas polos príncipes
de Israel con motivo da dedicación do altar,
cando foi consagrado, foron estas: fontes de
prata, doce; artesas de prata, doce; cuncas de
ouro, doce. 85Cada fonte de prata pesaba cento trinta siclos e cada artesa de prata setenta
siclos: en total a prata das fontes e artesas
foi de dous mil catrocentos siclos de prata,
conforme o siclo do santuario. 86As doce cuncas de ouro cheas de incenso, todas elas de
ouro de lei, en siclos do santuario sumaron
un total de cento vinte siclos. 87A suma dos
animais para o holocausto: doce xovencos,
doce carneiros, doce años dun ano, coas súas
oblacións correspondentes; e para o sacrifi-

cio polo pecado, doce chibos. [88]O total dos animais para o sacrificio de comuñón foi de vinte e catro xovencos, sesenta carneiros, sesenta chibos gordos e sesenta años dun ano. Todo isto con motivo da dedicación do altar despois da súa consagración.

[89]Cando Moisés entraba na Tenda do Encontro para falar con Deus, escoitaba a voz que lle falaba desde o propiciatorio, que estaba sobre a Arca do Testemuño, entre os dous querubíns: faláballe desde alí.

### O candelabro

**8** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Dille a Aharón: Cando teñas montadas as lámpadas, as sete lámpadas deben alumar de cara á parte dianteira do candelabro.

[3]Fíxoo así Aharón, facendo montar as súas lámpadas pola parte dianteira do candelabro, como lle mandara o Señor a Moisés. [4]Este era o traballo artístico do candelabro: todo de ouro batido a martelo, tanto o pé coma todos os seus brazos, todo de ouro batido a martelo: segundo a visión que o Señor mostrara a Moisés, así se fixo o candelabro.

### Consagración dos levitas

[5]Díxolle o Señor a Moisés: [6]–Toma os levitas do medio dos fillos de Israel e purifícaos. [7]Para os purificar, farás deste xeito: asperxeralos con auga de expiación; logo pasarán a navalla por todo o seu corpo, lavarán os seus vestidos: así quedarán purificados. [8]Despois tomarán un xovenco coa súa ofrenda de flor de fariña, amasada con aceite, como oblación, e ti tomarás outro xovenco que ofrecerás como expiación polo pecado. [9]Farás que se aproximen os levitas diante da Tenda do Encontro, e alí congregarás a toda a comunidade dos fillos de Israel. [10]Entón farás que se acerquen os levitas ante o Señor e os fillos de Israel imporán as súas mans sobre os levitas. [11]Aharón ofrecerá os levitas diante do Señor, como ofrenda dos fillos de Israel, e así quedarán dedicados ao servizo do Señor. [12]Logo os levitas imporán as súas mans sobre a cabeza dos xovencos; deles ofrecerás un en sacrificio polo pecado e outro en holocausto ao Señor, para faceres expiación polos levitas. [13]Colocarás despois os levitas de pé diante de Aharón e de seus fillos e farás o xesto de ofrecelos ao Señor. [14]Separarás así os levitas de entre os fillos de Israel e os levitas serán para min. [15]Despois disto, os levitas entrarán ao servizo da Tenda do Encontro e purificaralos: farás deles unha ofrenda, [16]porque eles son unha verdadeira ofrenda, doada a min, entre todos os fillos de Israel, en lugar de todos os primoxénitos, os que abren o seo materno de entre os fillos de Israel. Eu escollinos para min. [17]Porque meus son todos os primoxénitos dos fillos de Israel, tanto de homes como de animais; eu consagreinos para min, desde o día en que ferín a todos os primoxénitos na terra de Exipto. [18]Escollín os levitas en lugar de todos os primoxénitos de Israel, [19]e, tirándoos do medio do pobo, entreguéillelos a Aharón e a seus fillos, para que me sirvan polos fillos de Israel na Tenda do Encontro e para que ofrezan expiación polos fillos de Israel, de sorte que non veña ningunha praga entre os israelitas cando se aproximen ao santuario.

[20]Moisés e Aharón e toda a asemblea dos fillos de Israel fixeron, acerca dos levitas, canto lle ordenara o Señor a Moisés ao respecto: así fixeron acerca deles os fillos de Israel. [21]Os levitas purificáronse e lavaron os seus vestidos. Aharón fixo o xesto de ofrecelos na presenza do Señor e logo fixo expiación por eles, para os purificar. [22]Despois disto os levitas entraron a facer o servizo na Tenda do Encontro, diante de Aharón e seus fillos. Tal como o Señor ordenara a Moisés acerca dos levitas, así fixeron con eles.

[23]O Señor díxolle a Moisés: [24]–Isto é o que concirne aos levitas: desde a idade de vinte e cinco anos para arriba entrarán a prestar servizo na Tenda do Encontro; [25]mais ao chegaren aos cincuenta anos, retiraranse das súas funcións e xa non servirán máis. [26]Poderán axudar aos seus irmáns na Tenda do Encontro, facendo garda, pero servizo non o farán. Así has facer no referente ao servizo dos levitas.

**7**, 89 No Éx **25**, 22 Deus prometéralle a Moisés falarlle desde o propiciatorio. Por causa destes encontros e coloquios con Deus, o tabernáculo, onde se gardaba a Arca coas táboas da Lei, chamouse "Tenda da Xuntanza" ou do "Encontro" (Éx **33**, 7).

**8**, 2 A descrición detallada do candelabro está no Éx **25**, 31-39.

**8**, 10 *Os levitas* son as vítimas substitutivas dos primoxénitos dos israelitas (ver **3**, 12-13; Éx **13**, 11-15). A imposición de mans sobre eles expresa a solidariedade de todo o pobo neste sacrificio, como en todos aqueles nos que se repite o xesto.

**8**, 13 *Os levitas* son considerados como unha ofrenda. No v. 12 transfiren o seu carácter de vítima impoñendo as mans sobre os xovencos, que serán inmolados no seu lugar.

**8**, 23-26 Nova lei que modifica e completa a establecida no c. **4**, onde se fixaba a idade de entrada no servizo do templo aos trinta anos; aquí (v. 24), aos vinte e cinco; e máis tarde será aos vinte (1 Cro **23**, 24ss).

### Regulamento da Pascua

**9** [1]O Señor díxolle a Moisés no deserto de Sinaí no segundo ano da súa saída de Exipto, no primeiro mes: [2]–Celebren os fillos de Israel a Pascua no tempo sinalado. [3]O día catorce dese mes á tardiña celebrarédela de acordo con todas as súas disposicións e conforme a todos os ritos e indicacións.

[4]Moisés mandoulles aos fillos de Israel que celebrasen a Pascua. [5]Celebrárona o día catorce do mes, á tardiña, no deserto de Sinaí, en conformidade con todo o que lle mandara o Señor a Moisés: así fixeron os israelitas. [6]E sucedeu que algúns homes estaban impuros porque se achegaron a un cadáver e non puideron celebrar a Pascua aquel día. Foron entón aquel mesmo día onda Moisés e Aharón, e dixéronlles: [7]–Nós estamos impuros por mor dun cadáver, por que habemos nós de ser privados de facermos a ofrenda do Señor ao seu tempo no medio dos fillos de Israel?

[8]Moisés respondeulles: –Esperade, mentres eu consigo a resposta do Señor para vós.

[9]O Señor faloulle a Moisés: [10]–Dilles aos fillos de Israel: Se algún de vós ou dos vosos descendentes se encontra impuro por un cadáver ou está de viaxe lonxe de vós, poderá celebrar a Pascua en honor do Señor; [11]celebrarana o mes segundo, o día catorce, á tardiña. Celebrarédela comendo do pan asmo e herbas amargas. [12]Non deixarán nada dela para a mañá seguinte, nin lle crebarán ningún óso. Han celebrar a Pascua seguindo ao pé da letra todo o establecido. [13]Canto ao home que, estando impuro e non se encontrando de viaxe, non celebra a Pascua, deberá ser exterminado de entre o seu pobo, por non ofrecer o seu sacrificio ao Señor no tempo indicado. Ese home cargará co seu pecado. [14]E se morase convosco un estranxeiro e quixese celebrar a Pascua en honra do Señor, conforme o regulamento da Pascua e seguindo ao pé da letra as regras todas, deberao facer tamén así: unha soa é a lei para vós e para os estranxeiros, así como para os nativos do país.

### A nube

[15]O día mesmo en que se erixiu o tabernáculo, a nube cubriu o tabernáculo pola parte da Tenda do Testemuño, e á tarde houbo sobre o tabernáculo ata á mañá como unha especie de lume. [16]Así acontecía continuamente: a nube cubríao de día, e de noite aparecía como unha especie de lume. [17]Cando a nube se levantaba de enriba da Tenda, os fillos de Israel púñanse en marcha, e no lugar onde a nube paraba, alí acampaban os fillos de Israel. [18]Os fillos de Israel camiñaban obedecendo a orde do Señor e de acordo coa orde do Señor acampaban. Todo o tempo que a nube estaba parada sobre o tabernáculo, permanecían no mesmo lugar. [19]Cando a nube se detiña moitos días sobre o tabernáculo, os fillos de Israel observaban as ordes do Señor, e non partían. [20]Outras veces a nube permanecía sobre o tabernáculo certo número de días. Por orde do Señor acampaban e por orde do Señor partían. [21]Ás veces a nube quedaba só da tarde á mañá, pero en canto a nube se elevaba pola mañá, eles partían; [22]ás veces dous días, un mes ou un ano, en tanto que a nube se detiña sobre o tabernáculo, os fillos de Israel permanecían acampados e non partían; pero en canto ela se elevaba, levantaban o campamento. [23]Por orde do Señor acampaban e por orde do Señor partían, gardando as normas, como lles ordenara o Señor por medio de Moisés.

## II. PARTIDA DO SINAÍ CARA A CADEX

### As trompetas

**10** [1]Mandoulle o Señor a Moisés: [2]–Faite dúas trompetas de prata; faralas batidas a martelo e usaralas para convocar a comunidade e para dar o sinal de levantar o campamento. [3]Cando as fagas soar, xuntarase onda ti toda a comunidade á porta da Tenda do Encontro. [4]Se se toca unha só, virán a ti os príncipes, os xefes das agrupacións de Israel. [5]Cando toquedes con

**9**, 1-14 Disposicións complementarias adaptadas a tempos máis recentes, nos que os israelitas viven na diáspora e por calquera motivo non poden celebrar a Pascua no día sinalado en Éx **12**.
**9**, 19 Descubrían a vontade de Deus nos movementos da nube.
**10**, 2 *Trompetas* de feitura diferente das do xubileu (Lev **25**, 9). Estas que se usaban na guerra eran longas e dereitas, como as que se atopan debuxadas no arco de Tito en Roma nun dos baixorrelevos.
**10**, 5 A marcha polo deserto descríbese como os movementos dos corpos do exército nunha campaña de guerra, na que non faltaba a Arca, que lles facía sentir a presenza de Deus, que os axudaba na loita contra os seus inimigos (v. 9).

estrondo, deberán levantar o campamento os acampados pola banda do abrente. [6]E cando toquedes con estrondo por segunda vez, deberán levantar o campamento os do mediodía; tocarase, pois, o toque estrondoso para se poren en marcha aqueles. [7]Para congregar a comunidade tamén tocaredes, pero non con estrondo. [8]Os fillos de Aharón, os sacerdotes, tocarán as trompetas, que serán para vós lei perpetua nas vosas xeracións. [9]Cando teñades que saír á guerra, no voso país, contra o inimigo que vos ataca, tocaredes as trompetas con estrondo e o Señor Deus voso acordarase de vós, e seredes liberados dos vosos inimigos. [10]Nos vosos días de xúbilo, nas vosas solemnidades e nos primeiros de mes, tocaredes as trompetas durante os vosos holocaustos e sacrificios de comuñón, para que vos sirvan de memorial na presenza do voso Deus. Eu son o Señor, voso Deus!

### Orde de partir

[11]O ano segundo, o segundo mes, o vinte do mes, aconteceu que a nube se elevou de enriba do tabernáculo do Testemuño. [12]Os fillos de Israel partiron do deserto de Sinaí por etapas, e a nube detívose no deserto de Parán. [13]Foi deste xeito como levantaron o campamento por primeira vez, segundo a orde do Señor, dada por medio de Moisés.

[14]Partiu a primeira a insignia do campamento dos fillos de Xudá, conforme os seus escuadróns, e como xefe da tropa ía Nahxón, fillo de Aminadab. [15]Como xefe do exército da tribo dos fillos de Isacar ía Natanael, fillo de Suar; [16]e como xefe do exército da tribo dos fillos de Zebulón, Eliab, fillo de Helón. [17]Cando se desarmou o tabernáculo, comezaron a marcha os fillos de Guerxón e os de Merarí, que cargaban co tabernáculo.

[18]Logo saíu a insignia do campamento de Rubén, segundo os seus escuadróns, e como xefe da tropa ía Elisur, fillo de Xedeur. [19]Como xefe do exército da tribo dos fillos de Simeón ía Xelumiel, fillo de Surixadai; [20]e como xefe do exército da tribo dos fillos de Gad, ía Eliasaf, fillo de Deuel. [21]E saíron os quehatitas, levando o obxecto santo; e xa lles ergueran o tabernáculo antes de chegaren eles.

[22]Despois partiu a insignia do campamento dos fillos de Efraím, segundo os seus escuadróns, e como xefe da tropa ía Elixamá, fillo de Amihud. [23]Como xefe do exército da tribo dos fillos de Menaxés ía Gamaliel, fillo de Pedahsur; [24]e como xefe do exército da tribo dos fillos de Benxamín, Abidán, fillo de Guideón.

[25]Logo a insignia do campamento dos fillos de Dan, segundo os seus escuadróns. Saíu a derradeira, pechando todos os campamentos, e como xefe da tropa ía Ahiézer, fillo de Amixadai. [26]Como xefe do exército da tribo de Axer ía Paguiel, fillo de Ocrán, [27]e como xefe do exército formado pola tribo dos fillos de Naftalí, Ahirá, fillo de Enán. [28]Esta foi a orde das marchas dos fillos de Israel, repartidos nos seus escuadróns, cando partían.

### O Señor conduce o pobo

[29]Moisés díxolle a Hobab, fillo de Reuel, madianita, sogro de Moisés: –Nós partimos para o lugar do que nos dixo o Señor: "Héivolo dar a vós". Ven connosco e habémoste de tratar ben, pois o Señor prometeu o ben a Israel.

[30]Pero el respondeulle: –Non irei convosco, senón que me vou ir para a miña terra, onda os meus parentes.

[31]Moisés insistiu: –Rógoche que non nos deixes, pois ti coñeces ben os lugares axeitados onde habemos acampar no deserto e serás para nós un bo guía! [32]Se vés connosco, terás parte no ben que nos faga o Señor a nós, de todos os bens che daremos parte.

[33]E partiron do monte do Señor e andaron o camiño de tres días. A Arca da Alianza do Señor ía diante deles durante os tres días de camiño, para buscarlles sitio onde repousar. [34]A nube do Señor ía enriba deles de día, ao saíren do campamento. [35]Para que a Arca se puxese en camiño, Moisés exclamaba:

**10**, 11 A versión siríaca e o *Pent. Sam.* teñen un texto máis longo: "Idevos, marchade, encamiñádevos cara a montaña dos amorreos e cara a todos os habitantes da Terra Chá, da Montaña, da Terra Baixa, do Négueb e da Costa, do País do Canaán e do Líbano ata o gran Río, o río Éufrates. Mirade, púxenvos diante ese país; ide e collede posesión dese país que lles xurei dar a vosos pais, Abraham, Isaac e Xacob, e aos seus descendentes despois deles".

**10**, 29 A pouca precisión dos termos que expresan o parentesco non nos permite saber se Hobab é o mesmo ca Ietró (Éx **3**, 1), sogro de Moisés, ou máis ben se trata dun dos seus fillos ou xenros.

**10**, 31 Hobab, por ser nativo do país, coñecía ben aquelas terras para dirixir a marcha polo mellor camiño.

**10**, 35 Chegou a ser unha fórmula ritual nas procesións coa arca (Sal **68**, 1).

Levántate, Señor;
sexan dispersos os teus inimigos;
e fuxan os que te aborrecen
diante da túa presenza!
[36]E cando se detiña, dicía:
Vólvete, Señor, cara aos milleiros das familias de Israel.

### Murmuración do pobo

**11** [1]Aconteceu que o pobo comezou a queixarse a oídas do Señor. Oíuno o Señor e alporizouse. O lume do Señor acendeuse contra aquel e devorou un extremo do campamento. [2]O pobo clamou entón a Moisés; Moisés orou ao Señor e o lume apagouse. [3]Chamouse aquel lugar co nome de Incendio, porque alí se acendera contra eles o lume do Señor.

[4]O xentío alporizado, que ía no medio do campamento, devecía por alimentos e os fillos de Israel comezaron de novo a chorar dicindo: –Quen nos dará carne para comer? [5]Lembrámonos do peixe, que de balde comiamos en Exipto, dos cogombros, dos melóns, dos allos porros, das cebolas e dos allos. [6]Agora, en troques, temos a gorxa seca; non temos nada: soamente temos diante dos ollos o maná.

[7]O maná era como a semente de coriandro, da cor do bedelio. [8]O pobo espallábase para o recoller; despois moíano ou esmagábano nos morteiros e cocíano nunha ola e facían del tortas dun sabor semellante ao dun pan amasado con aceite. [9]Cando de noite caía o resío sobre o campamento, caía tamén o maná sobre el.

### Os axudantes de Moisés

[10]Oíu Moisés ao pobo chorando en familias, cada un á porta da súa tenda, e a cólera do Señor acendeuse fortemente. Nos ollos de Moisés apareceu a carraxe [11]e queixouse ao Señor con estas palabras: –Por que me tratas tan mal a min, o teu servo? E, por que non acado graza aos teus ollos? Por que botas enriba de min o peso de todo este pobo? [12]Son eu por ventura quen concibiu todo este pobo? Son eu quen o deu a luz, para que me digas: "Lévao no teu seo, como leva unha ama o seu neno de peito, á terra que ti prometiches con xuramento a seus pais?". [13]De onde saco eu a carne para lle dar a tanta xente coma esta? Pois están a chorar, dicindo: "Dános carne para comer!". [14]Eu só non podo soportar todo este pobo, pois é moito máis pesado do que eu podo. [15]Se ti me tratas a min así, é mellor que me mates, tírame a vida, pídocho de favor, se atopei graza aos teus ollos, para que deste modo non vexa eu tanto mal.

[16]O Señor respondeulle a Moisés: –Xúntame setenta homes de entre os anciáns de Israel, dos que ti saibas que son anciáns do pobo e conselleiros. Lévaos diante da Tenda do Encontro e que estean contigo. [17]Eu baixarei e falarei contigo alí; tomarei do espírito que hai sobre ti e meteréillelo a eles, para que leven contigo o peso do pobo e non o leves ti só. [18]E ao pobo diraslle: "Santificádevos para mañá, pois comeredes carne, xa que chorastes aos oídos do Señor, dicindo: 'Quen nos dará carne para comer? Nós estabamos ben no Exipto!'. O Señor daravos carne para que comades. [19]Non só ides comer carne un día, nin dous, nin cinco, nin dez, nin vinte días, [20]senón un mes enteiro, ata que vos saia polo nariz e vos resulte noxenta, por canto rexeitastes o Señor, que está no medio de vós, e chorastes na súa presenza, dicindo: 'Por que saímos nós do Exipto?'".

[21]Moisés respondeu: –Este pobo, no medio do que estou, conta seiscentos mil de a pé, e ti dis: Heilles dar carne e han comer un mes enteiro? [22]Se se matasen para eles ovellas e bois, serían abondo? Se se xuntasen para eles todos os peixes do mar, seríanlles suficientes?

[23]O Señor respondeulle a Moisés: –Por ventura é impotente a man do Señor? Agora vas ver por ti mesmo, se se cumpre ou non a miña palabra!

[24]Saíu Moisés entón e transmitiulle ao pobo as palabras do Señor. Logo xuntou setenta homes dos anciáns do pobo e fíxoos pór de pé ao redor da Tenda. [25]Descendeu o Señor nunha nube e faloulle a Moisés; despois tomou do espírito que había nel e infundíullelo aos setenta anciáns. En canto o espírito

**11**, 3 "Taberah" significa "lugar de pasto". Aquí tradúcese por "incendio", respectando a interpretación que fai o autor sagrado ao relacionar o nome do sitio co feito da "ira de Iavé" que se acendeu contra eles. A xulgar por Dt **9**, 22ss, estaba preto de Cadex.

**11**, 18 Para comprender as intervencións de Deus, cómpre ter os ollos da fe ben abertos. Os ritos que se prescriben son para avivar a fe.

**11**, 25 Estes anciáns son elixidos para unha misión de goberno e non son consagrados para o culto. Por iso se fai fóra da Tenda. O espírito que reciben manifféstase por medio do carisma profético de carácter extático como en 1 Sam **10**, 10-13; **19**, 20-24.

**11**, 26ss A grandeza de Moisés contrasta coa envexa do mozo e de Xosué, que representan a de todo o pobo. O don de Deus medra canto máis se reparte.

repousou sobre eles, puxéronse a profetizar; pero nunca máis o volveron facer. [26]Quedaran no campamento dous homes, un deles chamado Eldad e o outro Medad. O espírito repousou tamén sobre eles, pois figuraban entre os inscritos, aínda que non saíran para a Tenda, e profetizaron no campamento. [27]Un rapaz correu a comunicarllo a Moisés, dicindo: –Eldad e Medad profetizan no campamento!

[28]Entón Xosué, fillo de Nun, ministro de Moisés, escolleito por el, díxolle: –Meu Señor, Moisés, prohíbellelo!

[29]Mais Moisés respondeulle: –Tes celos por min? Quen dese que todo o pobo do Señor fosen profetas e que o Señor lles dese o seu espírito!

[30]Logo Moisés volveu para o campamento, el e os anciáns de Israel.

### Os paspallás

[31]Levantouse deseguida un vento enviado polo Señor, que trouxo paspallás da outra banda do mar. Deixounos caer sobre o campamento, nunha extensión como dun día de camiño por unha banda, e como dun día de camiño pola outra, todo ao redor do campamento, e uns dous cóbados sobre a superficie da terra. [32]O pobo dedicouse todo aquel día, toda a noite e todo o día seguinte a recoller paspallás. O que menos, recolleu dez cargas deles, e fóronos esparexendo para si ao redor do campamento. [33]Aínda tiñan a carne entre os dentes, aínda non a tiñan mascada, cando se acendeu a cólera do Señor contra o pobo e fixo na xente unha grandísima praga. [34]Chamóuselle a aquel lugar co nome de Quibrot Hatavah (tumba da concupiscencia), por canto alí enterraron ao pobo concupiscente. [35]De Quibrot Hatavah partiu o pobo a Haserot, e en Haserot detívose.

### Murmuracións de María e mais Aharón, e o seu castigo

**12** [1]María e Aharón murmuraron de Moisés por causa da muller cuxita, coa que casara. [2]Dixeron: –Por ventura o Señor lle falou a el só? Non nos ten falado tamén a nós? E chegou isto aos oídos do Señor.

[3]Era Moisés un home moi humilde, máis ca todos os homes que había na terra. [4]E deseguida díxolles o Señor a Moisés, Aharón e María: –Saíde vós os tres á Tenda do Encontro!

Saíron, logo, eles tres, [5]e, descendendo o Señor na columna de nube, parou á entrada da Tenda e chamou a Aharón e María. Saíron ambos os dous [6]e díxolles El: –Escoitade ben as miñas palabras! Se entre vós hai algún profeta, eu, o Señor, en visión revélome a el e fálolle en soños. [7]Non ocorre así co meu servo Moisés, que é fiel entre todos os da miña casa. [8]Cara a cara falo con el, en visión directa e non por enigmas, e contempla a figura do Señor. Como non temestes vós falar contra o meu servo, contra Moisés?

[9]Acendeuse a cólera do Señor contra eles, e foise.

[10]E a nube retirouse da Tenda, e coa mesma María apareceu cuberta de lepra, branca coma a neve. Aharón volveuse para María e viuna leprosa.

[11]Díxolle Aharón a Moisés: –Por favor, meu Señor, non poñas sobre nós este pecado, que con necidade cometemos! [12]Rógoche que non sexa ela coma o nacido morto, que ao saír do ventre de súa nai ten xa consumida a metade da súa carne!

[13]Moisés clamou ao Señor: –Ou Deus, por favor, cúraa!

[14]O Señor díxolle a Moisés: –Se o pai dela lle cuspise no rostro, non quedaría ela en vergonza durante sete días? Estea, pois, recluída sete días fóra do campamento e despois poderá ser outra vez chamada!

[15]María foi, pois, recluída sete días fóra do campamento e o pobo non partiu ata que María non foi chamada de novo. [16]Despois o pobo partiu de Haserot e foi acampar no deserto de Parán.

### Moisés manda explorar o país de Canaán

**13** [1]Faloulle o Señor a Moisés: [2]–Manda homes que che exploren o país de Canaán, que eu lles vou dar aos fillos de Israel; un home por cada unha das tribos de seus pais; serán tomados entre os príncipes.

**11**, 34 Quibrot Hatavah, tribo que habitara aquela terra. O autor fai unha etimoloxía popular referida ao desexo da comida.

**12**, 2 María e Aharón, aínda que da mesma raza, parece que pertencían a un grupo distinto do de Moisés (Éx **4**, 10-17), que saíra de Exipto antes e habitaron na rexión de Cadex, onde se fusionaron cos que saíron con Moisés. Así parecen demostralo estudos recentes das fontes do Pentateuco. A murmuración naceu da envexa do prestixio de Moisés no pobo polos favores que recibía de Deus.

**12**, 10 O castigo consistiu en expulsala do campamento, mandándolle unha enfermidade contaxiosa, que a obrigaba a estar lonxe ata que lle desaparecese (Lev **14**, 2ss).

[3]Mandounos, pois, Moisés desde o deserto de Parán, segundo a orde do Señor. Todos eles eran xefes entre os fillos de Israel. [4]Estes eran os seus nomes: Pola tribo de Rubén, Xamúa, fillo de Zacur. [5]Pola tribo de Simeón, Xafat, fillo de Horí. [6]Pola tribo de Xudá, Caleb, fillo de Iefuneh. [7]Pola tribo de Isacar, Igal, fillo de Xosé. [8]Pola tribo de Efraím, Xosué, fillo de Nun. [9]Pola tribo de Benxamín, Paltí, fillo de Rafú. [10]Pola tribo de Zebulón, Gadiel, fillo de Sodí. [11]Pola tribo de Manasés (tribo de Xosé), Gadí, fillo de Susí. [12]Pola tribo de Dan, Amiel, fillo de Guemalí. [13]Pola tribo de Axer, Setur, fillo de Micael. [14]Pola tribo de Naftalí, Nahbí, fillo de Volfsí. [15]Pola tribo de Gad, Guenel, fillo de Maquí. [16]Estes son os nomes dos homes que enviou Moisés a explorar o país. E Moisés a Hoxeas, fillo de Nun, cambioulle o nome polo de Xosué.

[17]Moisés mandounos a explorar o país de Canaán, e díxolles: –Subide polo deserto e escalade logo a montaña. [18]Ollaredes ben a terra, como é, e o pobo que nela habita: se é forte ou feble, se escaso ou numeroso; [19]e tamén como é a terra na que habita: se é boa ou mala; e como son as cidades nas que mora: se abertas ou fortificadas; [20]e como é o terreo: se fértil ou estéril, se hai nel árbores ou non. Animádevos e collede froitos da terra!

Era entón o tempo das uvas temperás. [21]Subiron, logo, e exploraron o país desde o deserto de Sin ata Rehob, camiño de Hamat. [22]Subiron polo Négueb e chegaron a Hebrón, onde estaban Ahimán, Xexai e Talmai, descendentes de Anac. Hebrón fora edificada sete anos antes ca Soán do Exipto. [23]Logo chegaron ao Val do Acio, onde cortaron un acio de uvas, que cargaron entre dous mediante unha vara, e milgrandas e figos. [24]A aquel lugar chamóuselle Val do Acio, porque alí o cortaran os fillos de Israel.

[25]Volveron da exploración da terra, pasados corenta días. [26]Chegaron xunto a Moisés e Aharón e toda a comunidade dos fillos de Israel, no deserto de Parán, en Cadex, e déronlles conta a eles e a toda a asemblea mostrándolles os froitos do país. [27]E contaron: –Fomos á terra, onde ti nos mandaches: verdadeiramente é unha terra que deita leite e mel. Eis os seus froitos! [28]Pero o pobo que habita o país é forte, e as cidades, fortificadas e moi grandes. Alí vimos tamén os descendentes de Anac. [29]Amalec habita no país do Négueb; o hitita, o iebuseo e o amorreo habitan na montaña, e o cananeo mora onda o mar e na beira do Xordán.

[30]Entón Caleb tratou de sosegar o pobo, que murmuraba contra Moisés, e exclamou: –Subamos sen medo e apoderémonos do país, porque nós podemos con eles!

[31]Mais os homes que subiran con el, dixeron: –Non podemos subir contra ese pobo, pois é máis forte ca nós.

[32]E desacreditaban ante os fillos de Israel a terra que exploraran, dicindo: –O país por onde pasamos, ao facermos a exploración, é un país que devora os seus habitantes, e toda a poboación que vimos no medio del son homes de estatura moi grande. [33]Alí vimos xigantes descendentes de Anac, raza de xigantes, e resultabamos, aos nosos propios ollos, coma saltóns, e o mesmo lles debiamos parecer tamén a eles.

### Rebelión do pobo

**14** [1]Todo aquel xentío se puxo a berrar, laiándose, e pasou toda a noite chorando. [2]Todos os fillos de Israel murmuraron contra Moisés e Aharón e toda a xente dicía:–Oxalá morrésemos no país do Exipto! Oxalá morrésemos neste deserto! [3]Por que nos conduce o Señor a este país, para ser atravesados pola espada e para que as nosas mulleres e os nosos nenos sexan feitos cativos? Non nos sería mellor volver para o Exipto?

[4]E dicíanse uns para os outros: –Poñamos un xefe e volvamos para o Exipto!

[5]Moisés e Aharón prostráronse por terra coa cara para abaixo, diante de toda a comunidade dos fillos de Israel. [6]Xosué, fillo de

**13**, 1-3 A promesa de Deus de lles dar aquela terra non os exime de poñer os medios apropiados e toda a habilidade que cumpra. Este acontecemento da exploración do país transmítese en todas as tradicións e, por certo, non todas van de acordo. Así a P (sacerdotal) informa negativamente, con excepción de Caleb e Xosué. A L (**13**, 18-30. 33), a J (**13**, 17b. 20-22; **14**, 1b. 3b), a E, así como Dt (**1**, 20-45), van noutro sentido e atribúen a longa permanencia no deserto ao castigo, por non se fiaren de Deus e do seu servo Moisés.

**13**, 27 *Terra que deita leite e mel* é unha frase feita que se atopa na literatura cananea e expresa a gran fertilidade de animais e xente causada polas bendicións dos seus deuses locais. Os israelitas loxicamente pensan que a fertilidade lles vén só de Iavé.

**13**, 33 *Xigantes* ("nefilim": Xén **6**, 4), identificados aquí segundo unha tradición serodia cos descendentes de Anac.

**14**, 2 As queixas do pobo son contra Iavé (v. 11), xa que foi El quen elixiu e consagrou a Moisés e Aharón, contra os que se rebelan.

Nun, e Caleb, fillo de Iefuneh, que tamén
exploraran a terra, racharon os seus vestidos,
7e logo dirixiron a palabra a toda a asemblea
dos fillos de Israel: –A terra que percorremos
para explorala é unha terra moi boa. 8Se o Se-
ñor nos é propicio, conduciranos a ese país
e daránolo; é un país que deita leite e mel.
9Pero non vos rebeledes contra o Señor nin
temades a xente do país, pois podemos de-
voralo coma pan; a súa protección apartouse
deles e o Señor está connosco. Non lles teña-
des medo!

10Pero toda a comunidade tratou de ape-
dralos. Entón a Gloria do Señor apareceu na
Tenda do Encontro ante todos os fillos de Is-
rael, 11e o Señor díxolle a Moisés: –Por canto
tempo me ha aldraxar este pobo? Por canto
tempo se negará a crer en min, con todos os
prodixios que teño feito diante deles? 12Vou
ferilos coa peste e exterminareinos, e despois
heite facer príncipe dunha nación maior e
máis poderosa do que esta é.

13Respondeulle Moisés ao Señor: –Os exip-
cios oíron que co teu poder sacaches este pobo
de entre eles 14e dixéronllelo aos habitantes
desta terra. Eles oíron que Ti, Señor, estás no
medio do teu pobo e te deixas ver cara a cara;
que a túa nube se mantén como unha colum-
na sobre eles, e nela marchas diante durante o
día e en columna de lume pola noite. 15Se fas
morrer a este pobo coma un home só, as xen-
tes que escoitan a túa sona dirán: 16"Iavé foi
incapaz de levar a este pobo ao país que lle
prometera con xuramento, por iso o destruíu
no deserto!". 17Agora, pois, sexa glorificado
o poder do meu Señor, conforme ti prometi-
ches, dicindo: 18"O Señor é paciente e rico
en misericordia; El perdoa a iniquidade e o
crime, mais nada deixa sen castigo, pois fai
purificar nos fillos as culpas dos pais ata a
terceira e cuarta xeración". 19Perdoa, pois, a
iniquidade deste pobo conforme a magnitude
da túa misericordia e conforme o soportaches
desde Exipto ata aquí!

20O Señor respondeu: –Eu perdoo con-
forme a túa palabra. 21Pero, pola miña vida
e pola Gloria do Señor, que enche toda a te-
rra, 22todos aqueles homes que viron a miña
Gloria e os prodixios que fixen no Exipto e
no deserto, e me tentaron xa por dez veces,
sen escoitaren a miña voz, 23non han ver o
país que con xuramento lles prometín a seus
pais: ningún de cantos me aldraxan o verá!
24Con todo, ao meu servidor Caleb, porque
tivo outro espírito consigo e me seguiu fiel-
mente, heino facer entrar no país onde el xa
estivo e a súa posteridade terao en posesión.
25Mais os amalecitas e os cananeos habitan
no val; volvede logo mañá e marchade para o
deserto, camiño do mar Vermello.

### Castigo dos rebeldes

26Díxolles o Señor a Moisés e a Aharón:
27–Canto tempo vou ter que seguir aguantan-
do esta teimosa turba, que murmura contra
min? Eu oín as murmuracións que contra
min profiren os fillos de Israel. 28Dilles: "Pola
miña vida, palabra do Señor, que conforme
vos oín dicirme, así vos vou tratar! 29Neste
deserto caerán os vosos cadáveres, pois to-
dos vós, os que fostes censados, todos desde
a idade de vinte anos en diante que murmu-
rastes contra min, 30non entraredes no país,
onde, estendendo a miña man, xurei facer-
vos habitar, excepto Caleb, fillo de Iefuneh
e Xosué, fillo de Nun. 31En cambio aos vosos
mozos, dos que dixestes: "Serviranlles de
presa aos inimigos", a eses introducireinos,
e coñecerán o país que vós desprezastes. 32Os
vosos propios cadáveres caerán neste deser-
to 33e os vosos fillos andarán errantes no de-
serto e pagarán as consecuencias das vosas
infidelidades, ata que acaben de consumirse
no deserto os vosos cadáveres. 34Conforme
os corenta días que tardastes en explorar o
país, pagaredes a pena das vosas iniquidades:
por cada día un ano, isto é, corenta anos; así
saberedes o que é o meu castigo". 35Eu, o Se-
ñor, falei. Seguro que hei tratar así a toda esta
multitude perversa que se repuxo contra min.
Neste deserto será consumida e nel morrerá!

36Os homes que Moisés enviara a explorar
a terra e que, ao volveren, fixeran murmu-
rar contra el a toda a multitude, falando mal
dela, 37aqueles homes que difamaran a terra
con perversidade, morreron feridos de morte
diante do Señor. 38Soamente Xosué, fillo de
Nun, e Caleb, fillo de Iefuneh, sobreviviron
de entre aqueles homes que foran explorar o
país.

### Desfeita dos israelitas

39Contoulles Moisés todas estas cousas aos
fillos todos de Israel e quedou o pobo moi
aflixido. 40Levantándose pola mañá cedo,
subiron ao cume do monte, dicindo: –Imos
rubir aló, a aquel lugar, que nos mandou o
Señor, porque pecamos.

**14**, 28 Daráselles como castigo o que eles pedían: "morrer no deserto" (v. 2).

41Moisés díxolles: –Por que pretendedes ir
contra a vontade do Señor? Así non vos vai
ir ben. 42Non subades, pois o Señor non está
convosco; non sexa que vos derroten os vo-
sos inimigos. 43Pois o amalecita e o cananeo
están alí contra vós e pereceredes baixo a súa
espada, porque vos desviastes do Señor e o
Señor non estará convosco.
44Eles, con todo, obstináronse en subir ao
cume do monte. Pero nin a Arca da Alianza
do Señor nin Moisés se moveron do interior
do campamento. 45Os amalecitas e os cana-
neos, que habitaban naquel monte, baixaron
e derrotáronos, facéndoos fuxir ata Hormah.

### Ofrendas e sacrificios

**15** 1Faloulle o Señor a Moisés: 2–Dilles aos
fillos de Israel: Cando esteades dentro
do país que será a morada que eu vos vou
dar, 3e queirades celebrar unha ofrenda de
comida (un holocausto ou un sacrificio en
cumprimento de voto ou como ofrenda vo-
luntaria ou con motivo das vosas solemnida-
des sacrificando bois ou ovellas, en recendo
grato ao Señor), 4quen así ofreza a súa ofren-
da ao Señor, ofrecerá como sacrificio un qui-
lo e medio de flor de fariña amasada cun litro
de aceite; 5engadiraslle ao holocausto ou á
oblación viño para as libacións en cantidade
dun litro, por cada cordeiro. 6E por cada car-
neiro, ofrecerás como oblación tres quilos
de flor de fariña amasada cun litro e cuarto
de aceite; 7e do viño para a libación, un li-
tro e cuarto, que ofrecerás como aroma de
suavidade ao Señor. 8Pero se desexas sacrifi-
car un xovenco en holocausto ou sacrificio,
en cumprimento dun voto ou como ofrenda
pacífica ao Señor, 9ofrecerás ademais do xo-
venco, en concepto de oblación, catro quilos
e medio de flor de fariña amasada con dous
litros de aceite; 10e para a libación ofrecerás
dous litros de viño: sacrificio de comida,
como aroma suavísimo para o Señor. 11Isto
farase con cada xovenco e con cada carnei-
ro, año ou cabrito. 12Calquera que sexa o
número de vítimas que inmoledes, faredes
así con cada unha delas. 13Todo nativo pro-
cederá dese xeito, ao presentar unha ofrenda
na brasa, de fragrante recendo para o Señor.
14E cando resida convosco un estranxeiro ou
alguén viva no medio de vós nas vosas suce-
sivas xeracións e desexe facer un sacrificio
de comida de recendo agradable ao Señor,
do modo que vós facedes, así fará el. 15A
mesma regra vale tanto para vós como para
o estranxeiro, regra perpetua, de agora para
adiante nas xeracións sucesivas: igual ca vós
será o estranxeiro diante do Señor. 16Unha
soa lei e unha soa norma teredes vós e mais
o estranxeiro que mora convosco.

### As primicias

17Faloulle o Señor a Moisés: 18–Dilles aos
fillos de Israel: Cando entredes no país, no
que eu vos vou meter, 19e comades do seu
pan, reservaredes unha ofrenda para o Señor.
20Como primicias da vosa fariña reservaredes
unha torta como oblación; como a oblación
da eira, así a debedes de elevar. 21Das primi-
cias da vosa fariña daredes a Iavé unha ofren-
da nas vosas sucesivas xeracións.

### Faltas involuntarias

22Se faltades sen darvos conta, descoidan-
do un destes preceptos que o Señor lle deu
a Moisés, 23é dicir, todo o que o Señor vos
mandou por medio de Moisés, desde o día no
que o Señor vos deu os seus mandamentos, e
de alí en adiante por todas as xeracións; 24se
é toda a comunidade a que faltou sen o saber,
sacrificarase un xovenco coa súa ofrenda e a
súa libación, conforme o rito prescrito, e un
chibo en sacrificio expiatorio. 25O sacerdote
fará a expiación por toda a asemblea dos is-
raelitas e seralles perdoado, porque foi un pe-
cado involuntario e porque presentaron a súa
ofrenda ao Señor. 26O perdón será conseguido
para toda a comunidade israelita e tamén
para o estranxeiro que habita entre eles, por-
que é unha culpa que todo o pobo cometeu
sen se dar conta.
27Se foi unha soa persoa a que pecou sen
se dar conta, ofrecerá unha cabra dun ano en
sacrificio expiatorio. 28O sacerdote fará a ex-
piación diante do Señor por esa persoa que
pecou sen se dar conta e quedará perdoada.
29Esta será a única lei para o que peca sen
se dar conta, sexa israelita de nacemento ou
estranxeiro que habite entre eles. 30Pero o
que peque deliberadamente, indíxena ou es-

**15**, 2-16 Todas estas leis procedentes da tradición sacerdotal son adaptacións complementarias das xa establecidas no Levítico.
**15**, 3 *Ofrenda de comida*; lit. "de lume".
**15**, 4 Lit. "décima parte de *efah* e un cuarto de *hin*".
**15**, 30 *Deliberadamente*. O texto pon "a man erguida", como desprezando a lei.

tranxeiro, aldraxa ao Señor, e debe ser expulsado do seu pobo. 31Por desprezar a palabra do Señor e por violar os seus preceptos, será expulsado: cargará coa súa iniquidade.

**Profanación do sábado**

32Estando aínda os fillos de Israel no deserto, aconteceu que pillaron un home que recollía leña no día do sábado. 33Os que o pillaron collendo leña, levárono diante de Moisés, de Aharón e de toda a asemblea. 34Puxérono baixo custodia, porque aínda non fora estipulado o que se había de facer con el. 35E o Señor díxolle a Moisés: –Ese home debe morrer; que o apedre toda a asemblea fóra do campamento.

36E, tirándoo para fóra toda a asemblea, apedrárono e morreu, como o Señor lle ordenara a Moisés. 37Faloulle o Señor a Moisés: 38–Dilles aos fillos de Israel que se fagan unhas borlas nas extremidades das súas capas, e que poñan un cordón de púrpura violeta nas fitas. 39Tales fitas serviranvos para que, cando as vexades, vos lembredes de todos os preceptos do Señor e os poñades en práctica; e para que non vos deixedes arrastrar pola inclinación do voso corazón e dos vosos ollos, que vos levan á infidelidade. 40Así lembrarédesvos de todos os meus mandatos e cumprirédelos, e estaredes consagrados ao voso Deus. 41Eu son o Señor, o voso Deus, que vos tirei do país do Exipto para ser o voso Deus. Eu son o Señor, o voso Deus!

**Revolta de Coré, Datán e Abiram**

**16** 1Coré, fillo de Ishar, fillo de Quehat, fillo de Leví; e Datán e Abiram, fillos de Eliab, fillo de Pélet, fillo de Rubén, 2levantáronse contra Moisés con douscentos cincuenta homes dos fillos de Israel, príncipes da comunidade, membros do consello, persoas que eran das máis significadas e sinaladas polo seu nome. 3Subleváronse contra Moisés e contra Aharón, e dixéronlles: –Xa é abondo! Toda a comunidade é santa, todos eles o son, e no medio deles está o Señor. Por que vos elevades vós sobre a comunidade do Señor?

4Logo de oír isto, Moisés botouse rostro en terra. 5Despois díxolles a Coré e a toda a súa facción: –Mañá o Señor dará a coñecer quen é seu e quen é santo, e farao achegarse a El: ao que teña escollido, farao achegarse. 6Facede isto: collede cada un o voso incensario, Coré e toda a súa facción, 7e mañá ponde neles lume e botade enriba incenso diante do Señor. O home que o Señor escolla, ese será o santo. Abonda xa, fillos de Leví!

8Moisés díxolle a Coré: –Escoitade, por favor, fillos de Leví! 9Parécevos pouco para vós que o Deus de Israel vos separase da comunidade israelita e vos aproximase a El, para que desempeñedes o servizo do tabernáculo do Señor e para vos manter na presidencia da comunidade e oficiar por ela? 10Ademais, aproximouvos a ti e a todos os teus irmáns, fillos de Leví, e reclamades aínda o sacerdocio? 11Ti e toda a túa facción sublevástesvos contra o Señor; pois, quen é Aharón para que murmuredes contra el?

12Moisés mandou chamar a Datán e Abiram, fillos de Eliab, que responderon: –Non iremos! 13É pouco obrigarnos a subir dun país que deita leite e mel e facernos morrer no deserto, para que, enriba, pretendas tamén aseñorearte de nós? 14Abofé, non nos trouxeches a un país que deita leite e mel, nin nos deches en herdanza campos e viñas! Pensas arrincar os ollos desta xente? Non iremos!

15Moisés alporizouse moito, e díxolle ao Señor: –Non te volvas para a súa oblación! Nin un asno só lles quitei nin maltratei a ningún deles.

16Logo Moisés díxolle a Coré: –Mañá ti e toda a túa facción presentádevos ante o Señor; ti, eles e mais Aharón. 17Collede cada un o voso incensario, ponde nel incenso e ofrecede ante o Señor cada un o voso, en total douscentos cincuenta incensarios. Tamén ti e Aharón, cada un co seu incensario.

18Colleron, pois, cadanseu incensario, puxeron neles lume, botándolle enriba incenso, e puxéronse á entrada da Tenda do Encontro con Moisés e Aharón. 19Coré congregara contra eles a toda a comunidade á entrada da Tenda do Encontro. Entón a Gloria do Señor apareceu ante toda a asemblea. 20O Señor díxolles a Moisés e Aharón: 21–Separádevos do medio desta comunidade, para que de improviso os destrúa!

22Eles, entón, caeron co rostro por terra e exclamaron: –Deus, noso Deus, fonte do espírito de todos os viventes!, acaso, se un home só peca, acenderase a túa ira contra toda a comunidade?

**15**, 32-36 Aplícaselle o mesmo castigo do blasfemo (Lev **24**, 10-16).

**16**, 1ss Este capítulo está composto con textos de tradicións diversas e contén disposicións disciplinarias de épocas moi distantes. Deixan entrever enfrontamentos e discusións entre sacerdotes e levitas por mor da súa categoría ministerial.

23O Señor faloulle a Moisés, para lle dicir: 24–Dille á comunidade: "Afastádevos das
tendas de Coré, Datán e Abiram!".
25Levantouse Moisés e foi onda Datán e
Abiram e seguírono os anciáns de Israel.
26Entón díxolle á comunidade: –Afastádevos, por favor, de onda as tendas destes homes perversos e non toquedes nada de canto lles pertence, para que non sexades arrastrados no medio dos seus pecados!
27Afastáronse, logo, de onda as tendas de Coré, Datán e Abiram. Mentres, Datán e Abiram saíran e mantíñanse firmes á entrada das súas tendas coas súas mulleres, os seus fillos e demais parentes. 28Entón dixo Moisés: –Nisto recoñeceredes que o Señor me mandou para facer todas estas accións e que non fago nada pola miña conta: 29se todos estes homes morren de morte natural e lles toca a mesma sorte que a todos os homes, non foi o Señor quen me mandou; 30mais se o Señor fai un portento e a terra abre a súa boca e os engole con todo o que lles pertence, de sorte que baixen vivos á morada dos mortos, entón saberedes que estes homes blasfemaron contra o Señor.
31E aconteceu que, tan axiña como acabou de falar, fendeuse a terra debaixo dos seus pés. 32A terra abriu a súa boca e enguliunos a eles e ás súas familias, toda a xente de Coré e toda a súa facenda. 33Descenderon, pois, vivos á morada dos mortos, eles e todos os seus; a terra pechouse sobre eles e desapareceron do medio da comunidade. 34Todos os israelitas que estaban arredor deles fuxiron ante os seus berros, dicindo: "Non sexa que nos engula a terra!". 35E ao mesmo tempo saíu un lume da parte do Señor e devorou os douscentos cincuenta homes que ofrecían o incenso.

### Castigo dos partidarios de Coré

**17** 1Díxolle o Señor a Moisés: 2–Manda que Elazar, fillo do sacerdote Aharón, retire os incensarios que están no medio do lume e que espalle as ascuas, porque son santas. 3Os incensarios deses que morreron polo seu pecado, sexan reducidos a láminas para recubrir o altar, porque foron ofrecidos ao Señor e están santificados. Serviranlles de sinal aos fillos de Israel.
4O sacerdote Elazar colleu, logo, os incensarios de bronce que ofreceran os mortos polo lume e laminounos para recubrir o altar. 5Isto era coma un aviso para os fillos de Israel, a fin de que ningún estraño que non pertenza á descendencia de Aharón se aproxime a queimar incenso diante do Señor e non sufra a sorte de Coré e a súa facción, conforme o Señor lle ordenara por medio de Moisés.

### Nova murmuración do pobo e intercesión de Aharón

6O día seguinte, toda a comunidade dos fillos de Israel murmurou contra Moisés e Aharón, dicindo: –Vós matastes o pobo do Señor!
7E aconteceu que, mentres se xuntaba a comunidade contra Moisés e contra Aharón, estes achegáronse á Tenda do Encontro, e deseguida os cubriu a nube e apareceu a Gloria do Señor. 8Moisés e Aharón chegáronse diante da Tenda do Encontro, 9e o Señor faloulles:
10–Retirádevos do medio desta comunidade, pois vouna consumir nun instante!
Eles prostráronse por terra, 11e Moisés díxolle a Aharón: –Colle o incensario e pon nel lume collido do altar e bótalle enriba incenso; vai despois axiña ao medio do pobo e ofrece expiación por eles, porque xa saíu a cólera do Señor: xa comezou o castigo.
12Aharón colleu o incensario, conforme lle indicara Moisés, e foi correndo ao medio do pobo, pois xa comezara o castigo entre o pobo; puxo incenso e fixo a expiación polo pobo. 13Colocouse de pé entre os mortos e os vivos e o castigo cesou. 14Foron os mortos polo castigo catorce mil setecentos, sen contar os mortos por culpa da revolta de Coré.
15Aharón volveu onda Moisés, á entrada da Tenda do Encontro, porque o castigo xa cesara.

### A vara de Aharón

16Díxolle o Señor a Moisés: 17–Fálalles aos fillos de Israel e toma deles unha vara por cada casa patriarcal, de parte de todos os príncipes, segundo a súa casa paterna, isto é, doce varas. Escribirás o nome de cada un sobre cada vara. 18Pero na vara de Leví es-

**16**, 11 A repulsa é máis contra Iavé ca contra Aharón. Por iso o castigo se atribúe a Deus mesmo (vv. 30-33).
**16**, 33 "Xeol" tradúcese por "morada dos mortos", no sentido de lugar no interior da terra onde baixan os que morren, bos e malos, e onde seguen vivindo unha existencia como de sombras (ver Xén **37**, 35; Dt **32**, 22; 1 Sam **2**, 6; **28**, 19, etc.).

**17**, 3 O lume acendido para queimar o incenso en honra do Señor consagrou os incensarios dos castigados coa morte por obraren indebidamente.
**17**, 17 Eran as varas ou bastóns de mando dos xefes. Simbolizaban a súa autoridade.

cribirase o nome de Aharón, pois só haberá unha vara por casa patriarcal. [19]E mandaralas pousar na Tenda do Encontro, diante do Testemuño, onde eu me aparezo a ti. [20]Agora ben, acontecerá que a vara do home que eu escolla, florecerá; así farei cesar as queixas, que os fillos de Israel murmuran contra vós.

[21]Faloulles Moisés aos fillos de Israel. Todos os seus príncipes lle deron a súa vara, cada un a súa, segundo as casas paternas, ou sexa, doce varas, e a vara de Aharón estaba entre elas. [22]Moisés puxo as varas diante do Señor na Tenda do Testemuño. [23]E aconteceu que ao día seguinte, cando entrou Moisés na Tenda do Testemuño, achou que a vara de Aharón, correspondente á casa de Leví, estaba florecida: aparecéranlle os botóns, saíranlle flores e dera améndoas. [24]Moisés levou da presenza do Señor todas as varas aos fillos todos de Israel. Recoñecéronas, e cada un recolleu a súa.

[25]O Señor díxolle a Moisés: –Torna a levar a vara de Aharón diante do Testemuño, para que sirva de sinal contra os fillos rebeldes e para que cesen as súas queixas diante de min e non morran.

[26]Fíxoo Moisés; como o Señor lle mandara, así o fixo.

[27]Os fillos de Israel dixéronlle a Moisés: –Mira que somos consumidos, xa perecemos, todos nós perecemos! [28]Calquera que se aproxima ao tabernáculo do Señor, morre sen remedio! Acaso acabaremos por morrer todos?

### Funcións e dereitos dos levitas

**18** [1]Díxolle o Señor a Aharón: –Ti e os teus fillos e a casa de teu pai cargaredes coa responsabilidade das faltas cometidas no Santuario; ti e teus fillos cargaredes coa responsabilidade dos pecados cometidos no exercicio do voso sacerdocio. [2]Toma tamén contigo aos teus irmáns, a tribo de Leví, liñaxe do teu pai, para que contigo se unan e te axuden cando ti e os teus fillos estiverdes diante da Tenda do Testemuño. [3]Estarán ao teu servizo e ao da Tenda enteira, pero non se acercarán aos obxectos sagrados nin ao altar, para que non morran nin eles nin vós. [4]Soamente eles estarán contigo no servizo da Tenda do Encontro, para todo o servizo da Tenda; ningún estraño se acercará a vós. [5]Soamente vós atenderedes o servizo do santuario e o servizo do altar, para que a cólera non se levante máis sobre os fillos de Israel. [6]De feito fun eu quen escollín os fillos de Leví, vosos irmáns, do medio dos fillos de Israel e volos entreguei como oblación ao Señor, para faceren o servizo da Tenda do Encontro. [7]Ti, con todo, e teus fillos contigo exerceredes a vosa función sacerdotal en todo o que toca ao altar e á parte interior do veo: é unha doazón que vos fago eu a vós, o voso sacerdocio, e calquera estraño que se aproxime, morrerá.

### O destino dos tributos

[8]E díxolle o Señor a Aharón: –Son eu quen poño á túa disposición todas as ofrendas que me pertencen; e todas as cousas consagradas polos fillos de Israel, douchas a ti e a teus fillos por dereito perpetuo, e serán santas. [9]Isto é o que che tocará a ti das cousas máis sagradas, fóra do que é queimado no lume: todas as ofrendas que me presenten nas súas diversas oblacións, nos seus sacrificios polo pecado e sacrificios polo delito: como cousa santísima, corresponderanche a ti e aos teus fillos. [10]Comerédelas en lugar santísimo; todo home poderá comelas; será cousa santa para ti. [11]Tamén serán para ti estas outras cousas: os tributos de todas as doazóns dos fillos de Israel dóuvolos a ti e aos teus fillos e ás túas fillas, como dereito perpetuo. Poderaos comer calquera da túa familia que estiver puro. [12]O mellor do aceite novo e o mellor do viño e do trigo, as primicias que se ofrecen ao Señor, douchas a ti. [13]As primicias de todas as cousas da terra, na que vos vou facer entrar, que lle pertencen ao Señor, serán para ti; soamente os que estean puros da túa familia as poderán comer. [14]Todo canto sexa consagrado en Israel será para ti. [15]Todos os seres de calquera criatura que nacen os primeiros, sexan homes ou animais, que sexan presentados ao Señor, serán para ti, agás os primoxénitos do home, que o terás que rescatar, como tamén resca-

**17**, 19 *Diante do Testemuño* = diante da Arca, na que se gardaban as táboas da Lei, que eran propiamente "O Testemuño".

**18**, 1 Ten que responder polas faltas cometidas no desempeño das funcións do culto por parte dos quehatitas, como servidores subordinados no ministerio expiatorio dos sacerdotes.

**18**, 7 O sacerdocio queda reservado aos fillos de Aharón. Os levitas dedicaranse a servizos subalternos do templo. Os laicos por ningún motivo poderán achegarse ao altar.

**18**, 8-9 Deus é o creador e dono de todo e pódello dar a quen el queira. As cousas que os israelitas lle defraudaron das ofrendas presentadas (Lev **5**, 15-16) e que teñen que restituír, perténcenlle tamén a Iavé (Lev **7**, 30-38).

tar os dos animais. [16]Canto ao seu rescate, será desde a idade dun mes, e conforme a túa valoración: cinco siclos de prata, conforme o siclo do santuario, que vale vinte óbolos cada un. [17]Pero non rescatarás o primeiro froito dunha vaca, o primeiro nacido dunha ovella ou o primeiro nacido dunha cabra: son cousa sagrada. O seu sangue derramaralo sobre o altar e farás arder a súa graxa en ofrenda de aroma agradable ao Señor. [18]A súa carne, con todo, será para ti; e tamén o peito abalado ritualmente e a perna dereita serán para ti. [19]Todos os impostos das cousas santas que os israelitas consagran ao Señor douchas a ti e aos teus fillos e ás túas fillas, en dereito perpetuo. É unha alianza selada con sal perdurable ante o Señor, para ti e a túa descendencia.

### Décimos para os levitas

[20]Díxolle o Señor a Aharón: –Non posuirás herdanza ningunha na súa terra nin terás parte ningunha no medio deles: eu son a túa parte e a túa herdanza no medio dos israelitas. [21]Canto aos fillos de Leví, doulles por herdanza todos os décimos percibidos en Israel, polo servizo que me teñen que facer na Tenda do Encontro. [22]De agora en diante, os fillos de Israel non se aproximarán máis á Tenda do Encontro, para que non incorran en pecado castigado con pena de morte. [23]Só os levitas farán o servizo da Tenda do Encontro, e eles cargarán coa iniquidade dos israelitas. É un estatuto perpetuo nas vosas sucesivas xeracións e no medio dos israelitas non haberán de ter herdanza. [24]Porque eu lles dou aos levitas en herdanza o décimo que os fillos de Israel ofrecerán como oblación ao Señor. Por iso lles dixen: no medio dos fillos de Israel non han ter herdanza.

[25]O Señor faloulle a Moisés: [26]–Dilles aos levitas: Cando recibades dos fillos de Israel o décimo que vos dei en herdanza, ofrendaredes unha parte del, como oblación, ao Señor, o décimo do décimo. [27]E valeravos como tributo voso, como se for trigo da eira, ou mosto do lagar. [28]Así tamén ofreceredes unha oblación ao Señor de todos os vosos décimos, de canto recolledes dos fillos de Israel e darédesllos ao sacerdote Aharón, como oblación do Señor. [29]De todas as doazóns que recibades, separades unha parte para o Señor; tomaredes como décimos o mellor, e neles o mellor como parte consagrada.[30]Logo dirasslles: Cando teñades separado o mellor das ofrendas, reservarase o resto para os levitas, coma se fose para vós o produto da eira ou o do lagar. [31]Poderédelo comer en calquera lugar, vós e a vosa casa, pois constitúe o voso salario a cambio do voso servizo na Tenda do Encontro. [32]Así, unha vez que teñades deducido disto o mellor, non incorreredes con este motivo en pecado; así, non profanaredes as cousas santas dos fillos de Israel e non morreredes.

### Sacrificio da vaca vermella. A auga lustral

**19** [1]Díxolles o Señor a Moisés e Aharón: [2]–Esta é a lei que preceptuou o Señor: Dilles aos fillos de Israel que collan para ti unha vaca vermella sen defecto, que non teña defecto ningún e que aínda nunca fose xunguida. [3]Entregarédela ao sacerdote Elazar, que a levará fóra do campamento, e será inmolada na súa presenza. [4]O sacerdote Elazar tomará sangue dela co seu dedo e asperxerá co sangue sete veces en dirección á parte anterior da Tenda do Encontro. [5]Logo fará queimar a vaca diante dos seus ollos; a pel dela, a súa carne e o seu sangue xunto co seu excremento, será todo queimado. [6]O sacerdote collerá leña de cedro, hisopo e púrpura escarlata e botaraos no medio da fogueira da vaca. [7]Lavará despois os seus vestidos, bañará o seu corpo na auga e volverá logo ao campamento, pero quedará impuro ata a tarde. [8]E aquel que queime a vaca tamén lavará a súa roupa e bañará o seu corpo en auga e quedará impuro ata a tarde. [9]Un home puro recollerá as cinsas da vaca e depositaraas fóra do campamento, en lugar puro, onde se gardarán para a comunidade dos fillos de Israel, a fin de facer auga lustral. É un sacrificio polo pecado. [10]Logo o que recolleu as cinsas da vaca, lavará os seus vestidos e quedará impuro ata a tarde. Esta será a lei perpetua tanto para os fillos de Israel como para o forasteiro que mora no medio deles.

**18**, 16 Refírese ao rescate dos primoxénitos dos israelitas. O dos animais impuros era diferente (Lev **27**, 11-12).
**18**, 20 Esta lei cambiou co tempo. No Dt **14**, 28s e **26**, 12 os levitas teñen parte do décimo de cada tres anos. En troques en Núm **35**, 3-8 desaparece este imposto, ao concederlles as cidades levíticas cos terreos de arredor.
**18**, 26 Os levitas teñen que entregar o seu décimo aos sacerdotes.

**19**, 1ss A tradición sacerdotal recolle aquí antigos usos, non exentos de todo sabor supersticioso, como a cor vermella da vaca, o asperxer co sangue, o mesturar as cinsas coa auga, o poder purificador desta auga lustral, etc. A presenza do sacerdote e a consideración do rito como "sacrificio polo pecado" (vv. 9.17) permitiu que entrase no culto (ver Heb **9**, 13). Costumes semellantes foron incorporados na lexislación oficial, como Lev **14**, 2-7; Núm **5**, 17-28; Dt **21**, 1-9.

### Casos de impureza

[11]O que toque o cadáver de calquera ser humano, quedará impuro por sete días. [12]Terase que lavar con aquela auga o día terceiro e no sétimo día e quedará puro. Mais se non se lava no día terceiro e no día sétimo, non quedará puro. [13]Quen toque o cadáver dunha persoa, se non se purifica, profanou a morada do Señor, e ese tal terá que ser exterminado de Israel, porque a auga lustral non caeu sobre el: é impuro e a súa impureza ficará sobre el.

[14]Esta é a lei: Cando un home morra nunha tenda, todo o que na tenda entre e canto na tenda exista, será impuro durante sete días. [15]E todo vaso descuberto que non teña a tapa ben atada, será impuro. [16]Calquera que no campo toque unha vítima da espada, ou un morto, ou ósos de home, ou unha tumba, será impuro sete días. [17]Para este home impuro collerase cinsa da fogueira do sacrificio polo pecado e sobre ela verterase auga corrente dentro dun vaso. [18]Logo un home puro collerá hisopo, mollarao na auga e asperxerá a tenda, así como todos os utensilios e persoas que alí haxa, como tamén a quen tocou os ósos, a vítima, o morto ou a tumba. [19]O home puro asperxerá o inmundo no terceiro día e no día sétimo; no sétimo día darao purificado, e entón lavará os seus vestidos e bañarase en auga e á tarde quedará puro. [20]Pero se o home que é impuro non se purifica, deberá ser botado do medio da comunidade, por contaminar o santuario do Señor; as augas lustrais non foron asperxidas sobre el, está impuro. [21]Esta será unha lei perpetua para eles. O que asperxeu auga lustral, terá que lavar os seus vestidos; e o que foi tocado coa auga lustral será impuro ata a tarde. [22]Todo o que toque a quen é impuro, quedará impuro; e toda persoa que o toque a el, quedará impura ata a tarde.

### As augas de Meribah

**20** [1]Os fillos de Israel, a comunidade enteira, chegaron ao deserto de Sin no primeiro mes e o pobo acampou en Cadex. Alí morreu María e alí foi sepultada.

[2]Como non había auga para a comunidade, xuntáronse contra Moisés e contra Aharón. [3]O pobo levantouse contra Moisés e laiouse con berros, dicindo: –Oxalá perecésemos cando pereceron os nosos irmáns diante do Señor! [4]Para que fixestes vir á comunidade do Señor a este deserto, para morrermos nel nós e o noso gando? [5]Por que nos fixestes saír de Exipto, para nos traer a este lugar maldito, que non se pode sementar e que nin ten figueiras, nin viñas, nin milgrandas, e amais diso non ten auga para beber?

[6]Moisés e Aharón, retirándose de diante da comunidade, foron á entrada da Tenda do Encontro, e prostráronse co rostro por terra. Aparecéuselles por riba deles a Gloria do Señor, [7]e o Señor díxolle a Moisés: [8]–Colle a vara e fai xuntar á comunidade, ti e Aharón, teu irmán; na presenza deles ordenarédeslle ao penedo que dea auga; farás manar para eles auga do penedo e daraslle de beber á comunidade e ao seu gando!

[9]Moisés colleu a vara de diante do Señor, conforme lle ordenara. [10]Logo Moisés e Aharón reuniron a comunidade diante do penedo, e faloulles: –Escoitade, rebeldes! Poderemos sacar auga para vós deste penedo?

[11]E Moisés levantou a man e bateu no penedo coa súa vara por dúas veces: e saíu auga abundante, e a comunidade bebeu e o seu gando tamén. [12]O Señor díxolles a Moisés e a Aharón: –Por non confiardes en min e non manifestardes así a miña santidade aos ollos dos israelitas, non seredes vós quen introduza esta comunidade na terra que eu lles vou dar.

[13]Estas son as augas de Meribah, onde os fillos de Israel se queixaron contra o Señor e El manifestou a súa santidade.

### Vanse de Cadex

[14]Desde Cadex Moisés enviou embaixadores ao rei de Edom: –Isto fala o teu irmán

**19**, 13 Todo o campamento era "morada do Señor", porque no medio estaba situado o tabernáculo, onde se conservaba a Arca coas táboas, símbolo da presenza de Deus no medio do pobo.
**20**, 1 Non se sabe con certeza canto tempo permaneceron os israelitas en Cadex, pero foi unha etapa longa, que lles permitiu dispersárense polo deserto arredor, onde a auga tiña que escasear.
**20**, 2ss Os relatos desta sección pertencen ás vellas tradicións "iavista" e "elohista", que alternan coa "sacerdotal", que está máis representada. Non faltan elementos da tradición L, máis antiga.
**20**, 10 O texto actual interpreta a pregunta de Moisés como expresión de dúbida: poderemos sacar auga dun penedo? Por iso reciben o castigo de non entrar na terra prometida. A verdadeira razón debeu ser outra, relacionada cos acontecementos narrados no c. **14**.
**20**, 13 O milagre das augas nacidas dun penedo, a cousa máis enxoita e contraria, mostra a omnipotencia de Deus, a súa "santidade".

Israel: Ti ben coñeces todos os traballos que pasamos, [15]como os nosos pais tiveron que baixar a Exipto, onde habitamos por moito tempo. Os exipcios maltratáronnos a nós e aos nosos devanceiros; [16]pero nós queixámonos ao Señor. El escoitou o noso lamento e enviou o seu anxo, que nos sacou de Exipto. Velaquí que xa chegamos a Cadex, cidade que está nos teus últimos límites. [17]Déixanos pasar, por favor, pola túa terra! Non atravesaremos campos, nin viñas, nin beberemos das augas dos pozos, camiñaremos pola estrada do rei, non sairemos nin para a dereita nin para a esquerda, ata que deamos saído do teu territorio.

[18]E respondeulles Edom: –Ti non pasarás polo meu territorio; do contrario, saireiche ao encontro coa espada!

[19]Os fillos de Israel contestáronlle: –Subiremos polo camiño, e se eu e os meus gandos bebemos das túas augas, pagaremos o seu prezo: permite soamente que pásemos a pé.

[20]Mais el respondeu: –Non pasarás!

E saíu Edom ao seu encontro con moita xente e con fortes armas. [21]E non quixo Edom deixar pasar a Israel polo seu territorio. Entón Israel retirouse de onda el. [22]Marcharon de Cadex os fillos de Israel, toda a comunidade e chegaron ao monte de Hor.

### Morte de Aharón

[23]O Señor díxolles a Moisés e Aharón no monte Hor, situado na fronteira de Edom: [24]–É preciso que Aharón se xunte cos do seu pobo, pois non debe entrar na terra que eu lles dei aos fillos de Israel, porque fostes rebeldes ás miñas ordes nas augas de Meribah. [25]Colle a Aharón e ao seu fillo Elazar e lévaos ao monte Hor. [26]Fai espir a Aharón dos seus vestidos e faillos vestir a Elazar, seu fillo, porque Aharón se ten que xuntar cos seus e alí morrerá.

[27]Moisés fixo como lle ordenara o Señor, e subiron ao monte Hor na presenza de toda a comunidade. [28]Moisés fixo espir a Aharón dos seus vestidos e fíxollos vestir a Elazar, seu fillo. Morreu Aharón alí no cume do monte, e logo descenderon Moisés e mais Elazar do monte. [29]E comprendeu toda a comunidade que morrera Aharón, e toda a casa de Israel chorou a Aharón durante trinta días.

### Os cananeos de Arad

**21** [1]Cando o cananeo rei de Arad, que habitaba no Négueb, oíu que Israel viña polo camiño dos exploradores, atacou a Israel e fixo algúns prisioneiros. [2]Entón Israel fixo un voto ao Señor dicindo: –Se pos na miña man a este pobo, eu hei dar ao exterminio todas as súas cidades.

[3]O Señor escoitou a voz de Israel e entregoulle os cananeos; e foron dados ao exterminio eles e as súas cidades, e aquel lugar chamouse co nome de Anatema.

### A serpe de bronce

[4]E marcharon do monte Hor polo camiño do mar Vermello, rodeando o país de Edom, e o pobo comezou a esmorecer polo camiño. [5]E murmuraba o pobo contra Deus e contra Moisés: –Por que nos fixestes saír de Exipto para morrermos no deserto, pois falta o pan, non hai auga, e a nosa alma sente noxo dese alimento tan miserable?

[6]O Señor mandou contra o pobo serpes velenosas, que o morderon, e morreu moita xente de Israel. [7]O pobo foi onda Moisés e dixéronlle: –Pecamos por falarmos contra o Señor e contra ti; rógalle ao Señor, para que afaste de nós as serpes!

Moisés rezou polo pobo [8]e o Señor díxolle a Moisés: –Fai unha serpe velenosa e pona no alto dun mastro: cada un dos mordidos que a mire, vivirá.

[9]Moisés fixo unha serpe de bronce e púxoa na punta dun mastro; e cada un que fora mordido pola serpe, se miraba para a serpe de bronce, quedaba san.

### Cambian o campamento

[10]Os fillos de Israel partiron e acamparon en Obot. [11]E de novo marcharon de Obot e acamparon nos outeiros de Habarim, no

**20**, 23 *O monte Hor* aínda non se puido localizar con certeza. Neste lugar morreu Aharón: «reuniuse cos seus».
**21**, 1 *Arad*, cidade situada a uns 25 km ao S de Hebrón.
**21**, 3 Explica a orixe do toponímico "Hormah" da palabra "herem" = exterminio por anatema. Nestes casos non podían deixar a ninguén con vida, nin aproveitar nada do botín. Todo tiña que ser destruído.
**21**, 6 *Serpes velenosas*: lit. "de lume". "Saraf" en hebreo significa queimar, arder. Poida que aluda á febre que causaba a mordedura. Da mesma raíz derívase o nome dos "Serafim" da visión de Isaías (**6**, 2-6), que se describen como seres alados en Is **30**, 6. A serpe de bronce (v. 9) é un símbolo de fertilidade importado de Babilonia polos cananeos. Esta práctica orixinariamente supersticiosa foi aceptada por Israel e conservouse ata os tempos de Ezequías (2 Re **18**, 4). O N. T. deulle outro significado (Xn **3**, 14-15).

deserto, que está ao leste de Moab. [12]De alí
marcharon e acamparon no torrente de Za-
red. [13]Marcharon de alí e acamparon do outro
lado do Arnón, no deserto que sae do terri-
torio dos amorreos, pois o Arnón constitúe a
fronteira entre Moab e o amorreo. [14]Por iso
se di no libro das guerras do Señor: "Vaheb
en Sufa e os vales do Arnón, [15]e o declive dos
regatos que se inclina cara á veiga do Ar e
repousa na fronteira de Moab". [16]E de alí fo-
ron a Beer. Aquí está o pozo ao que se refería
o Señor, cando falou con Moisés: "Xunta o
pobo e eu dareilles auga". [17]Entón Israel can-
tou este cántico:

Deita, pozo! Cantádelle!
[18]Pozo que os príncipes cavaron,
que escavaron os nobres do pobo
cos seus cetros, cos seus caxatos.

E do deserto foron a Matanah; [19]de Mata-
nah a Nahaliel, de Nahaliel a Bamot [20]e de
Bamot ao val que hai no campo de Moab, no
cume do Pisga, que olla para o deserto.

[21]Entón Israel mandou embaixadores ao
rei dos amorreos, dicindo: [22]–Déixame pasar
polo teu país! Nós non nos desviaremos nin
polos labrados nin polas viñas, nin beberе-
mos auga de ningún pozo; iremos pola estra-
da real, ata pasarmos os teus límites.

[23]Pero non permitiu pasar a Israel polo
seu territorio, senón que xuntou a todo o seu
pobo e saíu ao encontro de Israel no deserto;
chegou a Iáhsah e combateu contra el.

### Triunfo de Israel

[24]Mais Israel derrotouno a fío de espada e
apoderouse do seu territorio, desde o Arnón
ata o Iaboc, ata os amonitas, porque a fron-
teira dos fillos de Amón estaba fortificada.
[25]Israel tomou, pois, todas aquelas cidades.
Estableceuse en todas as cidades dos amo-
rreos, en Hexbón e máis en todas as vilas dos
arredores. [26]Porque Hexbón era a cidade de
Sihón, rei dos amorreos, que guerreara con-
tra o rei anterior de Moab e lle tomara todo
o seu territorio ata o Arnón. [27]Por iso din os
poetas:

Vide a Hexbón, edifíquese e restáurese a
cidade de Sihón.
[28]Pois un lume saíu de Hexbón, unha cha-
ma da cidade de Sihón,
que devorou Ar de Moab, e os outeiros de
Arnón.
[29]Ai de ti, Moab! Estás perdido, pobo de
Kemox!
Os seus fillos tiveron que andar fuxidos,
e as súas fillas foron cativas de Sihón, rei
dos amorreos!
[30]O xugo de Hexbón foi exterminado!
Arruinado está Hexbón ata Dibón;
arruinamos ata Nófah, que está xunto a
Medebá.
[31]Israel, pois, morou na terra dos amo-
rreos. [32]Moisés mandou explorar Iaser e con-
quistárona coas súas vilas de arredor, expul-
sando aos amorreos que moraban alí.
[33]Despois cambiaron de dirección e subi-
ron polo camiño de Baxán. Og, rei do Baxán,
saíu ao seu encontro, acompañado de todo
o seu pobo, presentándolle batalla en Edrei.
[34]Entón o Señor díxolle a Moisés: –Non lle
teñas medo, porque xa cho puxen eu na túa
man con todo o seu pobo e todo o seu te-
rritorio. Farás con el o mesmo que fixeches
con Sihón, rei dos amorreos, que habitaba en
Hexbón.
[35]Vencérono, pois, tamén a el, aos seus
fillos e a todo o seu pobo, ata non deixaren
nin sequera un vivo, e apoderáronse do seu
territorio.

### Episodio de Balaam

**22** [1]Marcharon os fillos de Israel, e
acamparon nas planicies de Moab,
alén do Xordán, á vista de Iericó. [2]Balac, fillo
de Sipor, coñeceu todo canto Israel lles fixe-
ra aos amorreos [3]e Moab colleu moito medo
véndose diante dun pobo tan grande, pois era
numeroso, e encheuse de medo por mor dos
fillos de Israel. [4]Díxolles Moab aos anciáns
de Madián: –Agora esa multitude pastará to-
dos os nosos arredores como pasta un touro a
herba do campo.

**21**, 14 Antigo cancioneiro épico, hoxe desaparecido, sobre as guerras de Iavé.
**21**, 16 *Beer* significa "pozo".
**21**, 24 O territorio dos amorreos lindaba polo N co torrente Iaboc; e, polo S, co torrente Arnón. Ambos os dous van dar ao Xordán polo L.
**21**, 27-30 Antigo canto de vitoria amorreo, do que se apropiaron os israelitas para xustificar os seus dereitos sobre Moab, primeira conquista da parte oriental do Xordán. Hexbón, cidade máis importante da rexión, fora combatida por Sihón, rei dos moabitas, e agora foi destruída por Israel.
**21**, 29 *Kemox*, nome do deus principal dos moabitas.
**21**, 33 *Baxán*, terra de abondosos pastos na parte nororiental do Xordán.
**22** O chamado ciclo de Balaam abrangue os cc. **22-24**, que mesturan nun só relato elementos, ás veces discordantes, das dúas tradicións iavista e elohista. Balaam, confésase servo de Iavé (**22**, 18-19), o que non deixa de ser sorprendente, dada a súa orixe da ribeira do Éufrates. Algúns autores pensan que máis ben sexa oriúndo de Madián, onde se di que foi asasinado xunto cos reis dese país (**31**, 8.16).

Balac, fillo de Sipor, era rei de Moab por
aquel tempo. 5E enviou mensaxeiros a Ba-
laam, fillo de Beor, a Petor, que está xunto
ao río, no país dos amonitas, para o chamar,
dicíndolle: –Velaí que un pobo saíu de Exip-
to, que cobre a superficie do país e está á
beira do meu territorio. 6Ven, axiña, por fa-
vor, maldí a este pobo, porque é máis pode-
roso ca min: quizais así poderei vencelo e
expulsalo do país, pois sei que aquel a quen
ti bendís é bendito, e maldito aquel a quen
ti maldís.

7Foron os anciáns de Moab e os anciáns de
Madián levando nas súas mans os cartos da
adiviñación, e cando chegaron a Balaam ex-
puxéronlle as palabras de Balac. 8El díxolles:
–Quedádevos aquí esta noite e eu dareivos
resposta, conforme ma diga o Señor.

E os príncipes de Moab quedáronse con
Balaam. 9Entón Deus veu onda Balaam e
preguntoulle: –Quen son eses homes que es-
tán contigo?

10Balaam respondeulle a Deus: –Balac, fi-
llo de Sipor, rei de Moab, mandounos onda
min, para que me dixesen: 11"Velaí que un
pobo que saíu do Exipto cobre a superficie
de toda a terra. Ven, axiña e maldíceo! Qui-
zais así poida eu combater con el e expul-
salo".

12Pero Deus díxolle a Balaam: –Non irás
con eles nin maldicirás a ese pobo, pois é un
pobo bendito!

13Balaam levantouse pola mañá e díxolles
aos príncipes de Balac: –Volvede para o voso
país, porque o Señor se negou a deixarme ir
convosco.

14Entón os príncipes de Moab levantáron-
se, foron onda Balac e dixéronlle: –Balaam
negouse a vir connosco.

15Balac volveu de novo a enviar príncipes
máis numerosos e ilustres ca aqueles. 16E ao
chegaren onda Balaam, dixéronlle: –Así fa-
lou Balac, fillo de Sipor: Pídocho por favor
que non te prives de vir onda min, 17pois hei-
te de honrar cos maiores honores e hei facer
todo canto digas. Ven, pois, por favor: maldi-
ce a este pobo!

18Balaam respondeulles aos servos de Ba-
lac: –Aínda que Balac me dese toda a súa
casa chea de prata e ouro eu non podería ir
contra a orde do Señor meu Deus, para dicir
nin pouco nin moito. 19Quedade tamén vós
aquí esta noite, para vos facer saber o que me
diga de novo o Señor.

20Veu Deus a Balaam de noite e díxolle:
–Se te viñeron chamar uns homes, érguete
e vai con eles, pero has facer o que eu che
mande.

21Ergueuse Balaam pola mañá, aparellou
a súa burra e partiu cos príncipes de Moab.
22Pero cando el marchaba, acendeuse a cóle-
ra de Deus, e o anxo do Señor atravesóuselle
no camiño para llo impedir. El ía cabalgando
na súa burra acompañado de dous criados.
23Cando a burra viu o anxo do Señor parado
no camiño coa súa espada na man, desviouse
do camiño e foise polo campo. Balaam co-
mezou a bater na burra para facela volver ao
camiño. 24Entón o anxo do Señor chantouse
nunha congostra entre as viñas, con sebes por
unha beira e pola outra. 25A burra, que viu o
anxo do Señor, arrimouse contra o valado e
premeulle o pé de Balaam contra o valado.
Entón el volveu bater nela. 26O anxo do Señor
volveu pasar diante e chantouse nun carreiro
estreito, onde non se podía ir nin pola dere-
ita nin pola esquerda. 27A burra viu o anxo
do Señor e deitouse baixo os pés de Balaam,
quen se alporizou e fustrigou a burra co ca-
xato. 28Entón Iavé abriulle a boca á burra, e
esta díxolle a Balaam: –Que che fixen eu para
me bateres desta maneira, xa por terceira vez?

29E Balaam díxolle á burra: –Porque te es-
tás burlando de min! Se tivese a man unha
espada, agora mesmo te mataría!

30E replicoulle a burra a Balaam: –Non
son eu a túa burra, a mesma na que tes caba-
lgado desde que existes ata hoxe? Acaso che
fixen eu algunha vez cousa semellante?

–Non, –respondeu el.

31Entón o Señor abriulle os ollos a Ba-
laam, quen viu o anxo do Señor parado no
camiño coa espada desenvaiñada na man,
axeonllouse e prostrouse co rostro por terra.
32E díxolle o anxo do Señor: –Por que lle ba-
tiches por tres veces á túa burra? Son eu quen
se opón a ti, pois o teu camiño é perverso e
contrario a min. 33A burra viume a min e des-
viouse de diante de min tres veces con esta.
Boa sorte tiveches con que se desviase ela,
porque arestora xa eu podería terte matado,
deixándoa viva a ela.

**22**, 5 *Petor do Río* parece debe identificarse coa "Pitru" das inscricións asirias, situada na ribeira do Éufrates.
**22**, 21 A burra naquel ambiente era unha cabalgadura de honor.
**22**, 28 O feito de falar o animal testemuña a antigüidade da tradición iavista, como en Xén **3**, 1ss a serpe.

[34]Balaam díxolle entón ao anxo do Señor:
–Pequei, porque non sabía que ti te opuñas
a min no camiño; agora, se che parece mal,
darei volta!
[35]O anxo do Señor contestoulle a Balaam:
–Vaite con eses homes, pero soamente has
falar o que eu che indique.
Balaam marchou, logo, cos príncipes de
Balac. [36]Cando Balac oíu que chegaba Bala-
am, saíu ao seu encontro a unha cidade de
Moab situada no límite do Arnón, no extre-
mo da fronteira. [37]Balac díxolle a Balaam:
–Non che enviara embaixadores para te cha-
mar? Por que non viñeches a min? Non podo
por ventura recompensarte?
[38]E Balaam respondeulle a Balac: –Vela-
quí que eu vin a ti agora! Mais, poderei eu,
por ventura, falar algo? A palabra que Deus
poña na miña boca, esa falarei.
[39]E Balaam foise con Balac e chegaron a
Quiriat-Husot. [40]Balac degolou bois e ove-
llas, e mandou parte a Balaam e aos príncipes
que o acompañaban. [41]Á mañá seguinte, Ba-
lac tomou a Balaam e fíxoo subir a Bamot-
Baal, desde onde se vía o extremo do pobo.

### Balaam bendí a Israel

**23** [1]Díxolle Balaam a Balac: –Edifícame
aquí sete altares e prepárame neste lu-
gar sete touros e sete carneiros.
[2]Balac fixo como Balaam dixera e ofreceu
un touro e un carneiro sobre cada altar. [3]Logo
díxolle Balaam a Balac: –Fica onda o teu ho-
locausto, mentres eu me afasto; quizais saia
o Señor ao meu encontro e todo o que El me
revele, eu comunicareicho.
E marchou a un lugar afastado. [4]Deus saíu
ao encontro de Balaam, quen lle dixo: –Teño
preparados os sete altares e ofrecín un touro
e un carneiro sobre cada altar.
[5]O Señor puxo unha palabra na boca de Ba-
laam e dixo: –Torna a Balac, e falaraslle así.
[6]Tornou, pois, a el, e encontrouno de pé
onda o seu holocausto, con todos os príncipes
de Moab. [7]Entón pronunciou o seu oráculo:

Desde Aram faime vir Balac,
o rei de Moab, desde as montañas
do Oriente:
Ven, díxome, maldí a Xacob!
Ven, impreca a Israel!
[8]Como vou maldicir
a quen El non maldiciu?
Como vou detestar eu
a quen non detestou o Señor?
[9]En verdade, desde o cume dos penedos
eu o vexo,
e desde o curuto dos outeiros
eu o contemplo:
Velaí un pobo que habita só
e entre as nacións non se conta.
[10]Quen puido contar
a multitude de Xacob
e quen enumerar
a cuarta parte de Israel?
Morra eu coa morte dos xustos
e sexa o meu futuro semellante ao deles!

[11]Entón Balac díxolle a Balaam: –Que é o
que me fixeches? Para maldicir os meus ini-
migos fíxente vir e ti non fas máis que ben-
dicilos!
[12]Balaam respondeulle dicindo: –Por ven-
tura non teño que ter coidado en dicir aquilo
que Deus pon nos meus labios?
[13]E díxolle Balac: –Vén, por favor, comi-
go a outro sitio desde onde poidas velo! Soa-
mente verás a súa parte extrema, mais todo el
non o verás. Maldíceo desde alí!
[14]Levouno entón ao campo das sentinelas,
no cume do Pisgah, e construíu sete altares,
ofrecendo un touro e un carneiro sobre cada
altar. [15]E díxolle a Balac: –Queda aquí onda
o teu holocausto, mentres eu saio aí ao en-
contro.
[16]O Señor veu ao encontro de Balaam e
póndolle a palabra na súa boca, díxolle: –Tor-
na a Balac, e falarás así!
[17]Foi onda el e atopouno de pé onda o seu
holocausto, acompañado dos príncipes de
Moab. Preguntoulle Balac: –Que che dixo o
Señor?
[18]Entón el pronunciou o seu oráculo:

Levántate Balac, e escoita,
óeme, fillo de Sipor!
[19]Non é Deus home para mentir,
nin fillo de home
para que se poida desdicir.
É El quen di e non fai,
ou quen fala e non cumpre?

**22**, 39 *Quiriat-Husot*, "cidade das ratas", probablemente unha encrucillada ao norte do Arnón.
**22**, 40 Sacrificio de comuñón, de saúdo e encontro, que será despois completado co holocausto (**23**, 2) como preparación da comunicación divina (Xuí **6**, 25ss).
**23**, 7 Estes dous primeiros oráculos en verso pertencen ao "elohista". Desde Aram, hipotético país de Balaam: no caso de soster a hipótese madianita, tería que interpretarse esta indicación xeográfica metaforicamente, "desde moi lonxe". Tanto as bendicións como as maldicións de Deus eran sempre eficaces e producen o que significan. Os inimigos dos israelitas non poden trocar a vontade de Iavé, que protexe o seu pobo.
**23**, 9 Israel é un pobo sagrado, posto á parte, protexido por unha bendición divina, que o fará numeroso como as areas do mar.

20 Eu recibín orde de bendicir,
bendicín e non o podo cambiar.
21 Non se viu culpa en Xacob,
nin se viu maldade en Israel.
O Señor, o seu Deus, está con el,
nel é aclamado como rei.
22 Deus, que o tirou do Exipto,
é para el como a forza do rinoceronte.
23 Non existe maxia en Xacob,
nin adiviñacións en Israel.
Ao seu tempo diráselle a Xacob
e a Israel o que El vai facer.
24 Eis un pobo que se levanta
coma unha leoa,
e se ergue coma un león;
non se deitará
ata que dea devorado a presa
e o sangue das súas vítimas dea bebido.
25 Entón Balac díxolle a Balaam: –Xa que non podes maldicilo, polo menos non o bendigas!
26 Mais Balaam respondeulle a Balac: –Non cho anunciei, dicindo: "Todo o que o Señor diga, iso hei facer?".
27 Entón Balac díxolle a Balaam: –Ven, por favor, levareite a outro lugar! Quizais sexa do agrado de Deus que os maldigas desde alí!
28 E Balac conduciu a Balaam ao cume do Peor, que olla para o deserto. 29 Balaam díxolle a Balac: –Constrúeme aquí sete altares e prepárame sete touros e sete carneiros.
30 Balac fixo conforme Balaam lle indicara, e ofreceu un touro e un carneiro en cada altar.

### Oráculos de Balaam

**24** 1 Viu Balaam que lle agradaba ao Señor que bendicise a Israel e non foi, como as outras veces, buscar agoiros, senón que volveu o seu rostro para o deserto. 2 Levantou os ollos e viu a Israel acampado por tribos, e o espírito do Señor descendeu sobre el. 3 Entón pronunciou o seu oráculo:
Oráculo de Balaam, fillo de Beor,
oráculo do home de ollo penetrante,
4 oráculo de quen oe as palabras de Deus,
de quen ve as visións do Todopoderoso;
que cae e se lle abren os ollos.
5 Que fermosas son as túas tendas, Xacob;
e as túas moradas, Israel!
6 Son longos coma vales,
cal xardíns á beira do río,
coma áloes plantados polo Señor,
coma cedros a carón das augas.
7 A auga corre das súas nubes
e a súa sementeira crecerá ben regada.
Máis loado ca Agag será o seu rei,
exaltado será o seu reino.
8 Deus, que o tirou do Exipto,
é para el como a forza do rinoceronte.
Devora as nacións inimigas súas,
creba os seus ósos
e traspásaos coas súas frechas.
9 Reclínase, déitase coma un león,
coma unha leoa: quen o fará erguerse?
Benditos quen te bendigan,
e quen te maldigan, malditos!
10 A ira de Balac acendeuse contra Balaam, bateu as mans e díxolle a Balaam: –Eu chameite para maldicires os meus inimigos, e xa vai por tres veces que os bendís! 11 Agora, pois, volta para o teu lugar! Eu prometera encherte de honores, pero o Señor privoute deles.
12 Respondeulle Balaam a Balac: –Non lles dixera eu aos embaixadores que me enviaches: 13 "Aínda que Balac me dese a súa casa chea de prata e de ouro, eu non podería transgredir a orde do Señor, facendo pola miña conta cousa boa ou mala; aquilo que diga o Señor, iso direi?". 14 Agora, pois, que me vou para o meu pobo, ven e informareite do que ese pobo ha facer nos días vindeiros!
E Balaam pronunciou o seu oráculo:
15 Oráculo de Balaam, fillo de Beor,
oráculo do home de ollo penetrante,
16 oráculo de quen oe as palabras de Deus
e coñece a ciencia do Altísimo,
de quen ve as visións do Todopoderoso,
que cae e se lle abren os ollos.
17 Véxoo, pero non neste intre;
eu avístoo, pero non de cerca:
saíu unha estrela de Xacob
e xurdiu un caxato de Israel;
crebou as ladeiras de Moab

**23**, 22 *O rinoceronte*, boi salvaxe, símbolo dunha forza extraordinaria.
**23**, 23 Israel non precisa adiviños, porque está guiado por Deus.
**24**, 3 Oráculo proveniente da tradición iavista. Balaam fala, como vidente extático, non como profeta que recibe a mensaxe de Deus, como diría o "elohista". Seguro que data dos tempos de David. "Ollo penetrante"; outros interpretan "ollo pechado". O texto grego pon "ollo perfecto".
**24**, 7 Refírese ás vitorias de Xaúl e David contra os amalecitas (1 Sam **15**, 8; 30).
**24**, 10 *Bateu as mans*: en sinal de desprezo (ver Ez **21**, 17; **22**, 13).
**24**, 15 Segundo oráculo "iavista". Visión do esplendor da dinastía davídica, á que se denomina "estrela", "cetro". A tradición descubriu neste texto un anuncio do Mesías. A estrela dos magos faría alusión a el (Mt **2**, 2).
**24**, 17 Os fillos de Xet son os moabitas.

e abateu todos os fillos de Xet.
18Edom vaise empobrecendo
e empobrécese Seir, o seu inimigo,
mentres Israel fai prodixios.
19De Xacob sairá un Dominador
e aniquilará os restos da cidade.
20Logo viu a Amalec e pronunciou o seu oráculo:
É Amalec a primeira das cidades,
mais o seu final parará en destrución.
21Logo viu o quenita e pronunciou o seu oráculo:
Firme é a túa morada
e ter o teu niño dentro do penedo!
22Con todo, Caín será asolado,
ata que Asur te conduza cativo.
23E continuou co seu oráculo:
Ai, quen vivirá cando Deus faga isto!
24Virán navíos de parte dos quititas
e asoballarán Asur e arrasarán Éber,
e tamén el irá á ruína.
25Logo Balaam partiu e volveu para o seu país. Tamén Balac proseguiu o seu camiño.

### Idolatría de Israel

**25** 1Israel estableceuse en Xitim e o pobo comezou a fornicar coas fillas de Moab. 2Estas invitaron o pobo aos sacrificios dos seus deuses e o pobo comeu e prosternouse diante dos deuses delas. 3Israel consagrouse a Baal-Peor e a cólera do Señor acendeuse contra Israel. 4E díxolle o Señor a Moisés: –Colle a todos os cabezas de familia do pobo e fainos aforcar en honra do Señor á luz do sol, para que a cólera do Señor se afaste de Israel!

5Entón Moisés díxolles aos xuíces de Israel: –Matade cada un a aqueles dos vosos homes que adoraron a Baal-Peor!

6E velaí que un home de entre os israelitas chegou e trouxo onda aos seus irmáns a unha madianita aos ollos de Moisés e á vista de toda a comunidade de fillos de Israel, estando todos eles chorando á entrada da Tenda do Encontro. 7Véndoo Pinhás, fillo de Elazar, fillo do sacerdote Aharón, ergueuse no medio da comunidade e colleu unha lanza na súa man, 8entrou detrás do home na súa alcoba e atravesou a ambos os dous, ao home israelita e á muller, polo baixo ventre. E axiña cesou a praga sobre os fillos de Israel. 9Agora ben, os mortos na praga foron vinte e catro mil.

10Díxolle o Señor a Moisés: 11–Pinhás, fillo de Elazar, fillo do sacerdote Aharón, desviou o meu furor contra os israelitas, mostrouse celoso por min no medio deles, e así, no meu celo, non aniquilei os fillos de Israel. 12Por iso di: "Mira que eu establezo con el a miña alianza de paz; 13que constituirá para el e para a súa descendencia unha alianza de sacerdocio perpetuo, en recompensa por se mostrar celoso polo seu Deus e realizar expiación polos fillos de Israel".

14O nome do israelita morto, xunto coa madianita, era Zimrí, fillo de Salú, xefe dunha casa patriarcal dos simeonitas; 15e o nome da muller madianita morta era Cozbí, filla de Sur, que era xefe nunha casa patriarcal de Madián. 16O Señor díxolle a Moisés: 17–Atacade aos madianitas e ferídeos, 18pois eles atacáronvos cos seus enganos que empregaron contra vós no caso de Peor e no caso de Cozbí, filla dun xefe de Madián, irmá deles, morta o día da praga que sobreveu no caso de Peor.

### Novo censo dos israelitas

**26** 1Aconteceu que despois da praga, díxolles o Señor a Moisés e a Elazar, fillo do sacerdote Aharón: 2–Facede o censo de toda a comunidade dos fillos de Israel desde os vinte anos para arriba, conforme as súas casas patriarcais, e todos os aptos para o servizo militar en Israel.

3Moisés e mais Elazar, sacerdote, faláronlles, pois, nas planicies de Moab, xunto ao Xordán, preto de Iericó, dicindo: 4–Vaise facer un censo desde a idade de vinte anos para arriba, conforme o Señor ordenara a Moisés.

Os fillos de Israel que saíran do país de Exipto foron:

5Rubén, primoxénito de Israel. Fillos de Rubén: de Henoc, a familia dos henoquitas; de Palú, a familia dos paluítas; 6de Hesrón, a familia dos hesronitas; de Carmí, a familia dos

**24**, 20-24 Oráculos de orixe incerta, sen relación co contexto.
**25**, 1-3 *Xitim*, na ribeira oriental do Xordán, fronte a Iericó (ver **33**, 49; Xuí **2**, 1; **3**, 1). De seguro que había alí un lugar de culto idolátrico, máis ou menos dedicado á "prostitución sagrada".
**25**, 6-18 Relato serodio, que intenta recomendar o sacerdocio aharónico, representado en Pinhás, fillo de Aharón.
**25**, 9 A este texto alude 1 Cor **10**, 8.
**26**, 1ss Se cotexamos este novo censo co feito no comezo do libro (**1**, 20-46), rexistra menos nomes das tribos periféricas, como poden ser as de Simeón, Menaxés, Benxamín, etc., en favor das tribos centrais, como a de Xudá. Isto dános pé para pensar nos tempos en que esta é a tribo que destaca, despois do exilio.

carmitas. [7]Tales son as familias dos rubenitas
e o seus alistados foron corenta e tres mil set-
centos trinta. [8]Fillos de Palú: Eliab. [9]Os fillos
de Eliab: Nemuel, Datán e Abiram, que son
os membros do consello da comunidade, que
se levantaran contra Moisés e Aharón na sedi-
ción de Coré, cando se levantaron contra o Se-
ñor. [10](Entón a terra abriu a súa boca e engu-
liunos xuntamente con Coré; así morreron os
da sedición, devorando o lume a douscentos
cincuenta homes, para que servisen de escar-
mento; [11]mais os fillos de Coré non morreron).

[12]Fillos de Simeón segundo as súas fami-
lias: de Nemuel, a familia dos nemuelitas; de
Iamín, a familia dos iaminitas; de Iaquín, a
familia dos iaquinitas; [13]de Zérah, a familia
dos zerhitas; de Xaúl, a familia dos xaulitas.
[14]Tales son as familias dos simeonitas: vinte
e dous mil douscentos.

[15]Fillos de Gad segundo as súas familias: de
Sefón, a familia dos sefonitas; de Haguí, a fa-
milia dos haguitas; de Xuní, a familia dos xu-
nitas; [16]de Ozní, a familia dos oznitas; de Erí,
a familia dos eritas; [17]de Arod, a familia dos
aroditas; de Arelí, a familia dos arelitas. [18]Ta-
les son as familias dos fillos de Gad conforme
os seus alistados: corenta mil cincocentos.

[19]Fillos de Xudá: Er e Onán; pero Er e
Onán morreron no país de Canaán. [20]Despois
os fillos de Xudá, segundo as súas familias
foron: de Xelah, a familia dos xelanitas; de
Peres, a familia dos peresitas; de Zera, a fa-
milia dos zeranitas. [21]Os fillos de Peres foron:
de Hesrón, a familia dos hesronitas; de Ha-
mul, a familia dos hamulitas. [22]Tales son as
familias de Xudá conforme os seus rexistros:
setenta e seis mil cincocentos.

[23]Fillos de Isacar, segundo as súas fami-
lias: de Tolá, a familia dos tolaítas; de Puvah,
a familia dos puvitas; [24]de Iaxub, a familia
dos iaxubitas; de Ximrón, a familia dos ximro-
nitas. [25]Tales son as familias de Isacar, con-
forme os seus rexistros: sesenta e catro mil
trescentos.

[26]Fillos de Zebulón segundo as súas fami-
lias: de Séred, a familia dos sarditas; de Elón,
a familia dos elonitas; de Iahlel, a familia dos
iahlelitas. [27]Tales son as familias dos zebulo-
nitas conforme os seus rexistros: sesenta mil
cincocentos.

[28]Fillos de Xosé segundo as súas familias:
Menaxés e Efraím. [29]Fillos de Menaxés: de
Maquir, a familia dos maquiritas. Maquir xe-
rou a Galaad. De Galaad, a familia dos galaa-
ditas. [30]Estes son os fillos de Galaad: de Iézer,
a familia dos iezeritas; de Hélec, a familia dos
helquitas; [31]de Asriel, a familia dos asrielitas;
de Xequem, a familia dos xequemitas; [32]de
Xemidá, a familia dos xemidaítas; de Héfer, a
familia dos heferitas. [33]Selofad, fillo de Héfer,
non tivo fillos, senón fillas, e os nomes das fi-
llas de Selofad foron: Mahlah, Noah, Hoglah,
Milcah e Tirsah. [34]Tales son as familias de
Menaxés e os seus rexistrados eran cincuenta
e dous mil setecentos. [35]Estes son os fillos de
Efraím segundo as súas familias: de Xutélah,
a familia dos xutelahítas; de Béquer, a familia
dos bequeritas; de Táhan, a familia dos taha-
nitas, [36]fillos de Xutélah: de Erán, a familia
dos eranitas. [37]Tales son as familias dos fillos
de Efraím conforme os seus rexistros: trinta
e dous mil cincocentos. Estes son os fillos de
Xosé segundo as súas familias.

[38]Fillos de Benxamín segundo as súas fa-
milias: de Bela, a familia dos belaítas; de
Axbel, a familia dos axbelitas; de Ahiram, a
familia dos ahiramitas; [39]de Xufam, a familia
dos xufamitas; de Hufam, a familia dos hufa-
mitas. [40]Fillos de Bela foron: Ered e Naamán.
De Ered, a familia dos ereditas; e de Naamán,
a familia dos naamitas. [41]Tales son os fillos de
Benxamín segundo as súas familias, e os seus
rexistrados: corenta e cinco mil seiscentos.

[42]Estes son os fillos de Dan segundo as
súas familias: de Xuham, a familia dos xuha-
mitas. Tales son as familias de Dan segundo
as súas familias. [43]Todas as familias xuhami-
tas, segundo os seus rexistrados: sesenta e
catro mil catrocentos.

[44]Fillos de Axer segundo as súas familias:
de Iemnah, a familia dos iemnaítas; de Iesui,
a familia dos iesuítas; de Beriah, a familia
dos beriitas. [45]Dos fillos de Beriah: de Hé-
ber, a familia dos heberitas; de Malquiel, a
familia dos malquielitas. [46]O nome da filla de
Axer era Sárah. [47]Tales son as familias dos
fillos de Axer conforme os seus rexistros:
cincuenta e tres mil catrocentos.

[48]Fillos de Naftalí segundo as súas fami-
lias: de Iahsel, a familia dos iahselitas; de
Guní, a familia dos gunitas; [49]de Iéser, a fa-
milia dos ieseritas; de Xilem, a familia dos
xilemitas. [50]Tales son as familias de Naftalí
segundo as súas familias e os seus rexistros:
corenta e cinco mil catrocentos.

[51]Estes son os rexistrados dos fillos de Is-
rael: seiscentos un mil setecentos trinta.

[52]O Señor díxolle a Moisés: [53]—A estes se-
ralles repartido o país en concepto de herdan-
za, conforme o número de inscritos. [54]Aos
máis numerosos formaraslles unha herdade
grande e aos máis pequenos formaraslles
unha herdade menor; a cada un daraslles a
súa herdanza conforme os seus rexistrados.

55Soamente por sortes se repartirá a terra;
herdarán segundo os nomes das tribos dos
pais. 56Por sortes repartirás a herdanza, entre
o numeroso e o pequeno.
57E estes son os rexistrados dos levitas se-
gundo as súas familias: de Guerxón, a fami-
lia dos guerxonitas; de Quehat, a familia dos
quehatitas; de Merarí, a familia dos merari-
tas. 58Tales son as familias de Leví: a familia
dos lobnitas, a familia dos hebronitas, a fa-
milia dos mahlitas, a familia dos muxitas, a
familia dos coreítas. Quehat xerou a Amram.
59O nome da muller de Amram era Ioquébed,
filla de Leví, que lle naceu a Leví en Exipto.
Ela xerou a Amram, a Aharón, Moisés e mais
a María, súa irmá. 60A Aharón nacéronlle Na-
dab, Abihú, Elazar e Itamar. 61Nadab e Abihú
morreron ao ofreceren eles un lume profano
ante o Señor. 62Os seus rexistrados foron vin-
te e tres mil, todos homes dun mes para arri-
ba. Estes non foran rexistrados entre os fillos
de Israel, porque non se repartira herdanza
entre eles.
63Tales son os empadroados por Moisés e
Elazar, sacerdote, que fixeron o novo censo
dos fillos de Israel nas planicies de Moab,
xunto ao Xordán, cerca de Iericó. 64Entre eles
non existía xa ningún dos rexistrados por
Moisés e polo sacerdote Aharón, que fixeran
o censo dos fillos de Israel no deserto de Si-
naí. 65O Señor dixera deles: "Morrerán todos
no deserto".
De feito, non quedou ningún deles, se non é
Caleb, fillo de Iefuneh, e Xosué, fillo de Nun.

### Dereito hereditario das fillas

**27** 1Presentáronse entón as fillas de Selofad,
fillo de Héfer, fillo de Galaad, fillo de
Maquir, fillo de Menaxés, fillo de Xosé. Es-
tes son os nomes das fillas daquel: Mahlah,
Noah, Hoglah, Milcah e Tirsah. 2Presentáron-
se, pois, ante Moisés, ante Elazar, sacerdote,
e ante os príncipes e toda a comunidade á en-
trada da Tenda do Encontro, dicindo: 3–Noso
pai morreu no deserto, pero el non figurou na
facción dos que conspiraron contra o Señor,
na facción de Coré; senón que morreu polo
seu pecado e non tivo fillos. 4Por que deixar
que o nome do noso pai desapareza de entre
os da súa familia por non ter fillos homes?
Dádenos unha propiedade entre os irmáns de
noso pai!
5Moisés entón presentou a causa delas
ante o Señor. 6O Señor respondeulle a Moi-
sés: 7–Din ben as fillas de Selofad. Daras-
lles unha propiedade entre os irmáns de seu
pai e pasaraslles a herdanza do pai deles. 8E
aos fillos de Israel falaraslles nestes termos:
Cando un home morra sen ter fillos homes,
pasarédeslles a herdanza ás súas fillas; 9e se
non ten fillas, daredes a súa herdanza a seus
irmáns. 10Se non tiver irmáns, daredes a súa
herdanza aos irmáns de seu pai; 11e se seu pai
non tiver irmáns, daredes a súa herdanza ao
seu parente máis achegado dentro da súa fa-
milia, que será o seu dono.
Isto será para os fillos de Israel unha nor-
ma de dereito, conforme o Señor llo ordenou
a Moisés.

### Elección de Xosué

12Díxolle o Señor a Moisés: –Sube a este
monte dos Abarim e contempla o país que
lles teño destinado aos fillos de Israel! 13Can-
do o teñas visto, teraste que xuntar cos de-
vanceiros do teu pobo, como se xuntou o teu
irmán Aharón, 14porque ambos os dous no
deserto de Sin, na rebelión da comunidade,
fostes rebeldes á miña orde de declararme
santo aos seus ollos mediante a auga, a auga
de Meribah, no deserto de Sin.
15Moisés respondeulle ao Señor: 16–Señor,
Deus do espírito de todo ser vivo, sinala so-
bre a comunidade un home que a dirixa e se
poña á súa cabeza, 17que os leve e os traia,
para que a comunidade do Señor non sexa
coma rabaño sen pastor!
18O Señor contestoulle a Moisés: –Esco-
lle a Xosué, fillo de Nun, home en quen re-
side o Espírito; e impón sobre el a túa man!
19Preséntao logo diante de Elazar, sacerdote,
e diante de toda a comunidade, e dálle ordes
na súa presenza. 20Daraslle unha parte da túa
dignidade, para que o obedezan todos os da
comunidade dos fillos de Israel. 21Deberá
presentarse a Elazar, sacerdote, quen consul-
tará por el o xuízo dos *Urim* ante o Señor. Por
orde súa sairán e por orde súa regresarán, el
e mais todos os fillos de Israel con el, toda a
comunidade.

**27**, 1-11 Só podían herdar os fillos homes segundo a lexislación anterior. No caso de Selofad, sen fillos varóns, concédeselles o dereito de herdar ás fillas, para que a propiedade das terras non pase a outras tribos, enriquecéndoas, en detrimento da súa.
**27**, 12 Entre os montes Abarim, no leste do mar Morto, sobresaía o monte Nebo, desde onde se alcanzaba coa vista toda a Palestina.
**27**, 13 *Teraste que xuntar cos devanceiros*, terás que morrer.
**27**, 17 *Que os leve e os traia*, é dicir, que os guíe con plena autoridade. Vén ser a consagración do sucesor de Moisés.

22Moisés fixo como lle ordenara o Señor:
colleu a Xosué e presentouno ante Elazar,
sacerdote, e ante a comunidade; 23impuxo
sobre el as súas mans e deulle as súas ordes,
conforme o Señor llo mandara.

### Sacrificios e festas

**28** 1O Señor díxolle a Moisés: 2–Ordénalles
aos fillos de Israel: Coidaredes de
me ofrecer ao seu tempo a miña ofrenda, o
manxar debido, como sacrificio de grato re-
cendo ao ser queimado. 3Tamén lles dirás:
Este é o sacrificio para ser queimado que ten-
des de ofrecer ao Señor: años dun ano sen
defecto, dous cada día, en holocausto perpe-
tuo. 4O primeiro año ofrecerédelo pola mañá,
e o segundo á tardiña; 5con quilo e medio de
flor de fariña, como oblación amasada cun
litro de aceite refinado. 6Tal é o holocausto
perpetuo que foi ofrecido no monte Sinaí de
grato aroma, sacrificio para o Señor. 7E a súa
correspondente libación de viño de uva será
dun litro por cada año; no Santuario hase ver-
ter a libación, bebida fermentada para o Se-
ñor. 8O segundo año ofreceralo á tardiña: fa-
rás como para a oblación da mañá e a mesma
libación. É un sacrificio con lume de grato
aroma para o Señor.
9No día de sábado ofreceredes dous años
dun ano sen defecto e, como oblación, dous
quilos e medio de óleo de fariña amasado
no aceite, coa súa correspondente libación.
10É o holocausto de cada sábado, que se en-
gade ao holocausto perpetuo e mais á súa
libación.
11Cada día primeiro de mes ofreceredes
en holocausto ao Señor dous xovencos, un
carneiro, sete años dun ano, sen defecto;
12e tamén catro quilos de óleo de fariña en
oblación amasado no aceite, por cada un dos
xovencos; dous quilos e medio de óleo de fa-
riña amasado no aceite, como oblación polo
carneiro; 13e un quilo e medio de óleo de fa-
riña, como oblación amasado en aceite, por
cada año. É un holocausto de aroma grato,
un sacrificio con lume para o Señor. 14E as
súas libacións serán: dous litros e medio de
viño por xovenco, un litro e medio por car-
neiro e un litro por cada año. Tal é o holo-
causto mensual, para todos os meses do ano.
15Tamén un chibo en sacrificio polo pecado:
ofrecerase, coa súa libación, ademais do sa-
crificio perpetuo.

### A Pascua

16No mes primeiro, no día catorce do mes,
é a Pascua do Señor. 17O día quince dese mes
é a festa; comerase pan asmo durante sete
días. 18O día primeiro haberá asemblea san-
ta; non faredes obra ningunha servil. 19Ofre-
ceredes en sacrificio como holocausto ao Se-
ñor, dous xovencos, un carneiro e sete años
dun ano, sen defecto. 20A súa oblación será
de óleo de fariña amasado en aceite: catro
quilos polo xovenco e dous quilos e medio
polo carneiro. 21Ofreceredes un quilo e me-
dio por cada un dos sete años. 22Ademais, un
chibo en sacrificio polo pecado para facerdes
expiación por vós. 23Faredes tales ofrendas
sen contardes o holocausto da mañá, que
forma parte do holocausto perpetuo. 24Fare-
des isto cada un dos sete días: é un alimento,
sacrificio con lume de grato aroma para o
Señor. Farase coa súa libación, ademais do
holocausto perpetuo. 25No sétimo día cele-
braredes unha asemblea santa e non faredes
nel obra ningunha servil.

### A festa das Semanas ou das Primicias

26O día das Primicias, cando ofrezades
unha oblación nova ao Señor, na vosa festa
das Semanas, teredes unha asemblea san-
ta; non faredes nela obra ningunha servil.
27Ofreceredes en holocausto de aroma grato
para o Señor dous xovencos, un carneiro,
sete años dun ano. 28A súa oblación de óleo
de fariña amasado no aceite consistirá en
catro quilos por cada xovenco, dous quilos
e medio polo único carneiro, 29e un quilo
e medio por cada un dos sete años, 30ade-
mais un chibo para facer expiación por vós.
31Ofreceredes isto ademais do holocausto
perpetuo e a súa oblación. Escollerédelos
sen defecto, coas súas libacións correspon-
dentes.

### Festas do outono

**29** 1No sétimo mes, no día primeiro do
mes, celebraredes asemblea santa e
non faredes obra ningunha servil; será para
vós día de aclamación coas trompetas. 2Ofre-
ceredes un holocausto de aroma grato para
o Señor: un xovenco, un carneiro, sete años
dun ano sen defecto. 3A súa oblación de flor
de fariña amasada co aceite será de catro qui-
los polo xovenco, dous quilos e medio polo
carneiro 4e un quilo e medio por cada un dos

**28-29** Estes capítulos son unha ampliación e comentario das leis de Lev **23**, adaptadas a circunstancias novas.

sete años, [5]e ademais un chibo en sacrificio polo pecado para facerdes expiación por vós, [6]sen contar o holocausto do mes e mais a súa oblación, o holocausto perpetuo e mais a súa oblación, ademais das libacións preceptuadas, en sacrificio con lume de grato aroma para o Señor.

[7]O dez dese sétimo mes teredes unha asemblea santa, e faredes penitencia e non realizaredes obra ningunha servil. [8]Ofrecerédes en holocausto de aroma grato ao Señor un xovenco, un carneiro, sete años dun ano sen defecto. [9]A súa oblación de óleo de fariña amasado no aceite será de catro quilos polo xovenco, dous quilos e medio polo carneiro, [10]e un quilo e medio por cada un dos sete años. [11]Un macho cabrún en sacrificio polo pecado, sen contar o sacrificio expiatorio e o holocausto perpetuo, coa súa oblación e mais as súas libacións.

[12]O día quince do sétimo mes teredes unha asemblea santa; non faredes obra ningunha servil e celebraredes a festa do Señor durante sete días. [13]Ofreceredes un holocausto, sacrificio de aroma grato ao Señor: trece xovencos, dous carneiros, catorce años dun ano, sen defecto. [14]A súa oblación de óleo de fariña amasado no aceite será de catro quilos por cada un dos trece xovencos, dous quilos e medio por cada un dos carneiros [15]e un quilo e medio por cada un dos catorce años; [16]un macho cabrún en sacrificio polo pecado, ademais do holocausto perpetuo coa súa oblación e mais a súa libación.

[17]No segundo día: doce xovencos, dous carneiros, catorce años dun ano sen defecto; [18]así como a súa oblación e mais as súas libacións polos xovencos, os carneiros e os años, segundo o número deles, conforme ao regulamentado. [19]Ademais diso, un macho cabrún en sacrificio polo pecado, amais do holocausto perpetuo, a súa oblación e mais as súas libacións.

[20]No día terceiro: once xovencos, dous carneiros, catorce años dun ano sen defecto; [21]e tamén a súa oblación e mais as súas libacións polos xovencos, os carneiros e os años, segundo o número deles, conforme o regulamentado. [22]Ademais diso, un macho cabrún en sacrificio polo pecado, á parte do holocausto perpetuo, a súa oblación e mais a súa libación.

[23]No día cuarto: dez xovencos, dous carneiros, catorce años dun ano sen defecto; [24]a súa oblación e mais as súas libacións polos xovencos, os carneiros e os años, segundo o número deles, conforme ao regulamentado. [25]Ademais diso, un macho cabrún en sacrificio polo pecado, á parte do holocausto perpetuo, a súa oblación e mais a súa libación.

[26]No día quinto: nove xovencos, dous carneiros, catorce años dun ano sen defecto; [27]coa súa oblación e mais as súas libacións polos xovencos, os carneiros e os años, segundo o número deles, conforme o regulamentado. [28]Ademais diso, un macho cabrún en sacrificio polo pecado, amais do holocausto perpetuo e a súa oblación e mais a súa libación.

[29]No día sexto: oito xovencos, dous carneiros, catorce años dun ano sen defecto; [30]coa súa oblación e mais as súas libacións polos xovencos, os carneiros e os años, segundo o número deles, conforme o regulamentado. [31]Ademais diso, un macho cabrún en sacrificio polo pecado, á parte do holocausto perpetuo, a súa oblación e mais a súa libación.

[32]No día sétimo: sete xovencos, sete carneiros, catorce años dun ano sen defecto; [33]coa súa oblación e mais as súas libacións polos xovencos, os carneiros e os años, segundo o número deles, conforme o regulamentado. [34]Ademais diso, un macho cabrún en sacrificio polo pecado, á parte do holocausto perpetuo, a súa oblación e mais a súa libación.

[35]No día oitavo teredes a asemblea; non faredes obra ningunha servil. [36]Ofreceredes un holocausto, sacrificio de aroma grato ao Señor: un xovenco, un carneiro, sete años dun ano sen defecto; [37]coa súa oblación e mais as súas libacións correspondentes polos xovencos, o carneiro e os años, segundo o número deles, conforme o regulamentado. [38]Ademais diso, un macho cabrún en sacrificio polo pecado, á parte do holocausto perpetuo, a súa oblación e mais a súa libación.

[39]Tales son as cousas que faredes en honra do Señor nas vosas solemnidades, á parte dos vosos votos e ofrendas voluntarias, dos vosos holocaustos, oblacións, libacións e mais sacrificios pacíficos.

### Os votos e promesas

**30** [1]Moisés faloulles aos fillos de Israel conforme a todo o que lle ordenara o Señor. [2]Moisés faloulles tamén aos xefes das tribos israelitas, dicindo: –Isto é o que mandou o Señor: [3]Se un home fai un voto ao Señor ou se compromete baixo xuramento,

uníndose por unha obrigación, non faltará á súa palabra; obrará conforme a todo o que prometeu.

4Se unha muller fai un voto ao Señor ou se compromete por unha obrigación, estando na casa de seu pai, na súa mocidade, 5e sabedor o pai do seu voto e do seu compromiso, el non di nada, todos os seus votos e todo o seu compromiso serán firmes. 6Non obstante, se o seu pai, ao chegar ao coñecemento dos votos e do compromiso, se opón, todos os seus votos e mais o compromiso non terán valor e o Señor perdoaraa, porque seu pai se opuxo a isto.

7Se casa estando suxeita aos seus votos ou a algunha promesa, que a obriga a algunha privación, 8e se o seu home chega a coñecer iso e non lle di nada, os seus votos serán firmes e serán firmes os seus compromisos. 9Pero, se o home, no día en que dixo chegar ao coñecemento diso, o desaproba, o voto queda anulado e a promesa feita de palabra, coa que se comprometera, desaparece e o Señor perdoaraa.

10En troques, o voto dunha viúva ou dunha muller repudiada e todos os seus compromisos serán firmes para ela.

11Se unha muller fixo un voto ou promesa, con xuramento de se privar de algo, estando na casa do marido, 12e o marido, que chega a sabelo, non lle di nada, nin desaproba o feito, todos os seus votos quedarán en firme e tamén serán firmes todos os seus compromisos. 13Con todo, se o seu marido, o día no que o saiba, o anula, nada de todo canto saíu dos labios dela, sexan votos ou compromisos, será firme; o seu marido anulounos e o Señor perdoaraa.

14Todo voto e todo compromiso por xuramento de se mortificar poderao ratificar o seu esposo ou anulalo. 15Mais se o seu marido garda silencio ata o día seguinte, ratifica así todos os votos e todas as obrigacións que sobre ela pesen; confírmaos por gardar silencio o día no que o soubo. 16Mais se el os anulase, despois de o saber, cargaría coa iniquidade dela.

17Tales son os estatutos que o Señor prescribiu a Moisés sobre relacións entre marido e muller, e tamén entre un pai e mais a súa filla, durante a mocidade desta na casa de seu pai.

### Derrota dos madianitas

**31** 1Díxolle o Señor a Moisés: 2–Vinga nos madianitas aos fillos de Israel. Despois xuntaraste cos antepasados do teu pobo.

3Moisés faloulle ao pobo: –Disponde os homes para a guerra e vaian contra Madián, a fin de lles dar a vinganza do Señor nos madianitas. 4Mil por tribo, de todas as tribos de Israel, enviaredes á guerra.

5Foron, pois, escollidos das lexións de Israel mil por tribo, isto é, doce millares armados para a milicia. 6Moisés mandounos á milicia mil por tribo, ás ordes de Pinhás, fillo do sacerdote Elazar, portador dos obxectos sagrados e das trompetas de alarma. 7Eles pelexaron contra Madián, conforme lle mandara o Señor a Moisés e mataron a todos os homes. 8Amais dos soldados mortos mataron tamén aos reis de Madián: Evi, Requem, Sur, Hur e Reba, cinco reis madianitas. Ademais mataron a espada a Balaam, fillo de Beor. 9Os fillos de Israel ademais levaron cativas as mulleres de Madián, cos seus meniños e saquearon todo o seu gando, todos os seus rabaños e toda a súa facenda. 10A todas as súas cidades nos seus diversos lugares de residencia e a todos os seus campamentos prendéronlles lume. 11Colleron todo o botín e toda a presa feita en homes e en gando, 12e conduciron os cativos, o botín e mais a presa a Moisés, a Elazar, o sacerdote e á comunidade dos fillos de Israel, que estaban no campamento situado nas planicies de Moab, xunto do Xordán, fronte a Iericó. 13Moisés, o sacerdote, Elazar e todos os príncipes da comunidade saíron ao seu encontro fóra do campamento.

14Moisés irouse contra os xefes do exército, xenerais e centurións que volvían da expedición guerreira, 15e díxolles: –Mais, por que deixastes con vida a todas estas mulleres? 16Ollade! Elas son as que por instigación de Balaam induciron aos fillos de Israel a apostataren do Señor por mor de Peor e por esa causa caeu o castigo enriba da comunidade do Señor. 17Agora, pois, matade a todo home entre os meniños e a toda muller que fixese o acto sexual con home. 18Pero reservade con vida para vós a todas as rapazas que non tiveron relacións sexuais con home. 19E vós quedade fóra do campamento durante sete días. Todos os que matastes unha persoa e can-

**31** Versión "sacerdotal" sobre unha guerra contra os madianitas, aos que se lles aplica a lei do "anatema", "hérem" (Éx **22**, 19). A culpa da defección do pobo bótaselle a Balaam (v. 16).

tos tocastes un cadáver, purificarédesvos no terceiro e sétimo día, tanto vós coma os vosos prisioneiros. 20Purificade tamén todo vestido, todo obxecto de pel, todo utensilio feito de pel de cabra e todo utensilio de madeira.

21O sacerdote Elazar díxolles aos homes da milicia que foran ao combate: –Este é o precepto legal que o Señor ordenou a Moisés: 22O ouro, a prata, o bronce, o ferro, o estaño e o chumbo, 23todo o que resiste o lume, farédelo pasar polo lume e será puro; non obstante, terá de ser purificado coa auga lustral. E todo o que non resiste o lume, pasarédelo pola auga. 24O día sétimo lavaredes os vosos vestidos e seredes puros; e despois poderedes entrar no campamento.

### Reparto do botín

25Díxolle o Señor a Moisés: 26–Fai o inventario do botín collido en homes e gando, ti, o sacerdote Elazar e os xefes das casas paternas da comunidade. 27Dividirás pola metade o botín entre os combatentes que foron á guerra e toda a comunidade. 28Separarás para o Señor, como tributo dos guerreiros que foron á guerra, unha cabeza de cada cinco centos, tanto dos homes como dos bois, dos asnos e das ovellas; 29collerédelo da metade que lles corresponde e daralo ao sacerdote Elazar como primicia para o Señor. 30Da metade correspondente aos fillos de Israel tomarás unha parte de cada cincuenta, tanto dos homes coma dos bois, dos asnos e das ovellas, de todos os animais, e darásllelo aos levitas encargados do servizo do tabernáculo do Señor.

31Moisés e o sacerdote Elazar fixeron como lle ordenara o Señor a Moisés. 32O botín que o exército tomara como presa foi: ovellas, seiscentas setenta e cinco mil cabezas; 33bois, setenta e dous mil; 34asnos, setenta e un mil; 35en canto a persoas, mulleres que non tiveran relacións con home, o total era de trinta e dúas mil.

36A metade adxudicada aos que foran á guerra deu un total de: ovellas, trescentas trinta e sete mil cincocentas; 37destas corresponden como tributo para o Señor seiscentas setenta e cinco. 38Bois, trinta e seis mil, e o seu tributo para o Señor, setenta e dous. 39Asnos, trinta mil cincocentos, e o seu tributo para o Señor, sesenta e un. 40Persoas, dezaseis mil, e o seu tributo para o Señor, trinta e dúas. 41Moisés entregou o tributo como primicia do Señor ao sacerdote Elazar, conforme o Señor lle ordenara.

42Canto á metade correspondente aos fillos de Israel que Moisés apartara da dos guerreiros, 43esa metade da comunidade foi: ovellas, trescentas trinta e sete mil cincocentas; 44bois, trinta e seis mil; 45asnos, trinta mil cincocentos; 46persoas, dezaseis mil. 47Moisés tomou desa metade dos israelitas unha parte de cada cincuenta, tanto das persoas coma dos animais, e entregouno aos levitas, que desempeñaban o servizo do tabernáculo do Señor, conforme o Señor lle ordenara.

48Logo presentáronse ante Moisés os xefes das unidades militares, os xenerais e os centurións, 49e dixéronlle a Moisés: –Os teus servos fixeron a conta dos combatentes que había á nosa disposición e non faltou nin sequera un deles. 50Presentamos, pois, como ofrenda ao Señor cada un o que gañou en obxectos de ouro: brazaletes, pulseiras, aneis, pendentes e colares, a fin de que sexa propiciatoria polas nosas almas ante o Señor.

51Moisés e o sacerdote Elazar aceptaron deles o ouro: toda sorte de obxectos traballados con arte. 52O total de ouro que presentaron ao Señor procedente dos xenerais e os centurións, foi dezaseis mil setecentos cincuenta siclos. 53Os soldados collérano cada un para si. 54Moisés e o sacerdote Elazar tomaron o ouro dos xenerais e os centurións e levárono á Tenda do Encontro, como lembranza dos fillos de Israel ante o Señor.

### Reparto da terra alén do Xordán

**32** 1Os fillos de Rubén e os fillos de Gad posuían numerosos rabaños, moi importantes, e tras contemplar o país de Iazer e o de Galaad, viron que o lugar era sitio acaído para rabaños. 2Viñeron, pois, os fillos de Gad e os de Rubén e dixéronlles a Moisés, ao sacerdote Elazar e aos príncipes da comunidade: 3–Atarot, Dibón, Iazer, Nimrah, Hexbón, Elaleh, Sibmah, Nebó e Beón, 4este país que o Señor fixo caer diante da comunidade de Israel é terra de rabaños e os teus servos posúen rabaños. 5Se encontramos graza aos teus ollos, dános en posesión aos teus servos este territorio, non nos fagas atravesar o Xordán.

6Moisés, con todo, díxolles aos fillos de Gad e aos fillos de Rubén: –Como van ir vosos irmáns á guerra e vosoutros ides quedar sentados? 7Por que queredes desanimar aos

**31**, 52 Cerca de 200 kg.

**32** Conquista a repartición do país, segundo as tradicións J e E, con adicións posteriores.

fillos de Israel, para que non pasen á terra
que o Señor lles deu? 8Así fixeron vosos pais
cando eu os mandei desde Cadex-Barnea a
explorar o país. 9Subiron ata o val de Excol e
viron o país; logo desanimaron aos fillos de
Israel para que non fosen ao país que o Se-
ñor lles dera. 10Aquel día acendeuse a ira do
Señor e xurou dicindo: 11"Os homes de vinte
anos para arriba que subiron do Exipto non
verán a terra que prometín con xuramento
a Abraham, Isaac e Xacob, porque non me
seguiron sen dúbidas, 12agás Caleb, fillo de
Iefuneh, o quenita, e Xosué, fillo de Nun,
pois estes seguiron ao Señor sen desconfiar".
13Irouse o Señor contra Israel, e fíxoos andar
errantes polo deserto corenta anos ata que
fose extinta toda aquela xeración que fixera
o mal na presenza do Señor. 14E velaquí que
agora vós levantádesvos no lugar de vosos
pais para aumentardes aínda máis o furor da
cólera do Señor contra Israel! 15Se deixades
de o seguir, El alongará máis a vosa estadía
no deserto e vós seredes a causa do exterми-
nio de todo este pobo.

16Entón, aproximáronselle e dixeron: –Fa-
remos aquí currais para os nosos rabaños
e cidades para os nosos fillos; 17mais nós
ímonos armar de forza e iremos deseguida
á fronte dos fillos de Israel, ata que os che-
guemos a meter no seu lugar; e, mentres, os
nosos fillos ficarán nas cidades fortificadas,
por causa das incursións dos habitantes deste
país. 18Non volveremos para as nosas casas
ata que os fillos de Israel non teñan herdado
cada un a súa herdanza; 19pois non temos de
herdar nada con eles do lado de alá do Xor-
dán, xa que nosoutros temos as nosas herda-
des na ribeira leste do Xordán.

20Díxolles Moisés: –Se facedes isto que
decides, se vos armades de forza diante do
Señor para ir á batalla 21e todos os vosos
homes de guerra atravesan o Xordán diante
do Señor, ata que dea expulsado aos seus
inimigos da súa presenza, 22e todo o país
fique sometido e despois volvedes, entón
ficaredes libres perante o Señor e perante
Israel, e teredes esta terra en propiedade
diante do Señor. 23Mais se non obrades así,
pecaredes contra o Señor, e sabede que o
voso pecado caerá sobre vós. 24Construíde,
pois, cidades para vosos fillos e currais para
o voso rabaño e facede o que acabades de
prometer.

25Entón os fillos de Gad e os fillos de
Rubén contestáronlle a Moisés: –Os teus
servos farán conforme o meu Señor ordena.
26Os nosos fillos, as nosas mulleres, os no-
sos rabaños e todo o noso gando ficarán aí,
nas cidades de Galaad; 27mais os teus servos,
cada un dos que está equipado para a batalla,
irán á guerra diante do Señor, segundo o que
o meu señor dispón.

28Entón Moisés deu orde acerca deles ao
sacerdote Elazar, a Xosué, fillo de Nun, e aos
xefes de familia das tribos israelitas. 29Díxo-
lles Moisés: –Se os fillos de Gad e os fillos
de Rubén pasan convosco o Xordán, equipa-
dos todos para a guerra diante do Señor e o
país é sometido ante vós, darédeslles a terra
de Galaad en posesión; 30mais se convosco
non pasan equipados, terán a súa herdanza no
medio de vós no país de Canaán.

31Os fillos de Gad e os fillos de Rubén con-
testaron: –O que o Señor dixo aos teus ser-
vos, iso faremos. 32Nós pasaremos equipados
diante do Señor ao país de Canaán, pero a
nosa herdanza tocaranos na ribeira de acá do
Xordán.

33Moisés deulles aos fillos de Gad e aos
fillos de Rubén e a media tribo de Menaxés,
fillo de Xosé, o reino de Sihón, rei dos amo-
rreos, e o reino de Og, rei de Baxán, o país
coas cidades incluídas dentro das súas fron-
teiras e as cidades do país situadas na con-
torna. 34Os fillos de Gad reedificaron Dibón,
Atarot, Aroer, 35Atarot-Xofán, Iazer, Iogbo-
hah, 36Bet-Nimrah e Bet-Harán, cidades for-
tificadas e currais para o gando menor. 37Os
fillos de Rubén reedificaron Hexbón, Elalé,
Quiriataim, 38Nebó e Baal-Meón, cambián-
dolles o nome, e Sibmah, e puxéronlles no-
mes novos ás cidades que reedificaron.

39Os fillos de Maquir, fillo de Menaxés,
marcharon a Galaad e apoderáronse dela, bo-
tando aos amorreos que alí habitaban. 40Moi-
sés deu Galaad a Maquir, fillo de Menaxés,
que se estableceu nela. 41Iair, fillo de Menaxés,
foi e apoderouse das aldeas deles e chamou-
nas Aldeas de Iair. 42Nóbah foi e apoderouse
de Quenat e das súas aldeas do arredor e cha-
mounas Nóbah, conforme o seu nome.

### Resume das etapas da viaxe

**33** 1Estas son as etapas dos fillos de Israel,
que saíron de Exipto por unidades mi-
litares baixo o mando de Moisés e Aharón.

**33** Tradición sacerdotal tardía sobre as etapas do camiño polo deserto, desde Exipto ata o Xordán. Resulta difícil identificar e situar moitos toponímicos. O redactor utilizou diferentes documentos.

[2]Moisés anotou por escrito os puntos de partida, etapa por etapa, por orde do Señor. Estas son as súas etapas conforme os seus puntos de partida. [3]Partiron de Ramsés no primeiro mes, o día quince do mes primeiro. O día seguinte da Pascua saíron os fillos de Israel coa man levantada, aos ollos de todo Exipto, [4]mentres os exipcios enterraban a todos os seus primoxénitos, que o Señor ferira de morte, como proba de que era máis poderoso ca os seus deuses.

[5]Partiron, pois, os fillos de Israel de Ramsés, e acamparon en Sucot. [6]Partiron de Sucot e acamparon en Etam, que está ao extremo do deserto. [7]Partiron de Etam e volveron polo camiño de Pihahirot –que está fronte a Baal-Sefón–, e acamparon diante de Migdol. [8]E saíron de Pihahirot, e atravesaron polo medio do mar de cara ao deserto; andaron o camiño de tres días no deserto de Etam e acamparon en Marah. [9]Partiron de Marah, e chegaron a Elim, onde había doce fontes de auga e setenta palmeiras, e alí acamparon. [10]Partiron de Elim e acamparon na beira do mar Vermello. [11]Partiron do mar Vermello e acamparon no deserto de Sin. [12]Partiron do deserto de Sin e acamparon en Dofcah. [13]Partiron de Dofcah e acamparon en Alux. [14]Partiron de Alux e acamparon en Refidim, onde non había auga que beber para o pobo. [15]Partiron de Refidim e acamparon no deserto de Sinaí.

[16]Logo partiron do deserto de Sinaí e acamparon en Quibrot-Hatavah. [17]Partiron de Quibrot-Hatavah e acamparon en Haserot. [18]Partiron de Haserot e acamparon en Ritmah. [19]Partiron de Ritmah e acamparon en Rimón-Peres. [20]Partiron de Rimón-Peres e acamparon en Libnah. [21]Partiron de Libnah e acamparon en Rissah. [22]Partiron de Rissah e acamparon en Quehelatah. [23]Partiron de Quehelatah e acamparon no monte Xéfer. [24]Partiron do monte Xéfer e acamparon en Haradah. [25]Partiron de Haradah e acamparon en Maquelot. [26]Partiron de Maquelot e acamparon en Táhat. [27]Partiron de Táhat e acamparon en Térah. [28]Partiron de Térah e acamparon en Mitcah. [29]Partiron de Mitcah e acamparon en Hasmonah. [30]Partiron de Hasmonah e acamparon en Moserot. [31]Partiron de Moserot e acamparon en Bene-Iacán. [32]Partiron de Bene-Iacán e acamparon en Hor-ha-Guidgad. [33]Partiron de Hor-ha-Guidgad e acamparon en Iotbatah. [34]Partiron de Iotbatah e acamparon en Abronah. [35]Partiron de Abronah e acamparon en Esion-Guéber. [36]Partiron de Esion-Guéber e acamparon no deserto de Sin, isto é, Cadex. [37]Partiron de Cadex e acamparon no monte Hor, na fronteira do país de Edom. [38]O sacerdote Aharón subiu ao monte Hor por orde do Señor e alí morreu o ano corenta da saída dos fillos de Israel do país de Exipto, no mes quinto, a primeiros do mes. [39]Aharón tiña cento vinte e tres anos cando morreu sobre o monte Hor. [40]Entón tivo noticia o rei cananeo de Arad, que moraba no Négueb, no país de Canaán, da chegada dos fillos de Israel.

[41]Partiron do monte Hor e acamparon en Salmonah. [42]Partiron de Salmonah e acamparon en Funón. [43]Partiron de Funón e acamparon en Obot. [44]Partiron de Obot e acamparon en Lie-ha-Abarim, fronteira de Moab. [45]Partiron de Lie-ha-Abarim e acamparon en Dibon-Gad. [46]Partiron de Dibon-Gad e acamparon en Almon-Diblataim. [47]Partiron de Almon-Diblataim e acamparon nos montes de Abarim, de fronte de Nebó. [48]Partiron dos montes de Abarim e acamparon nas chairas de Moab, xunto ao Xordán, de fronte de Iericó. [49]Acamparon xunto ao Xordán desde Bet-ha-Ieximot ata Abel-ha-Xitim, nas chairas de Moab.

[50]O Señor díxolle a Moisés nas planicies de Moab, onda o Xordán, de fronte de Iericó: [51]–Fálalles aos fillos de Israel: Cando pasedes o Xordán cara ao país de Canaán, [52]expulsaredes de diante de vós a todos os habitantes do país; destruiredes todas as súas pedras esculpidas e todas as súas estatuas de metal fundido, e derrubaredes todos os seus altares. [53]Tomaredes posesión do país e habitarédelo; a vós douvos o país como herdanza. [54]Repartiredes o país por sortes, segundo as vosas familias: ao máis numeroso darédeslle herdade maior e ao máis pequeno darédeslle unha herdanza máis pequena. Aquilo que lle toque en sorte a cada un, seu será; collerédelo en propiedade segundo as vosas tribos paternas. [55]Pero se non expulsades de diante de vós aos moradores do país, acontecerá que os que deles ficaren serán para vós como espiñas nos vosos ollos e como lanzas nas illargas e hanvos perseguir na terra onde habitedes; [56]e o que pensei facerlles a eles, faréivolo a vós.

**33**, 4 Lit. “pois tamén nos seus deuses fixera Iavé xustiza”.

### As fronteiras da terra prometida

**34** [1]Díxolle o Señor a Moisés: [2]–Ordénalles aos fillos de Israel: Cando entredes no país de Canaán, este será a terra que vos tocará en posesión: o país de Canaán conforme os seus límites. [3]Polo sur pertenceravos desde o deserto de Sin, seguindo a fronteira de Edom; esta fronteira meridional partirá desde o extremo do mar Morto polo abrente; [4]logo dará un rodeo cara ao sur, pola subida de Acrabim, e baixará ata o Sin e chegará ao sur de Cadex-Barnea; logo irá saír a Hasar-Addar e pasará a Asmón. [5]Logo a fronteira torcerá desde Asmón cara ao torrente de Exipto e terminará no mar.

[6]Por fronteira occidental teredes o mar Mediterráneo: esta será para vós a fronteira ao oeste.

[7]Por fronteira setentrional teredes a seguinte: desde o mar Mediterráneo trazaredes unha liña ata o monte Hor; [8]desde o monte Hor trazaredes unha liña ata a entrada de Hamat, indo saír á fronteira ata Sedad. [9]Logo a fronteira conducirá a Zifrón, terminando en Hasar-Enán. Tal será para vós a fronteira setentrional.

[10]Logo trazaredes unha liña como fronteira oriental desde Hasar-Enán cara a Xefam. [11]A fronteira baixará desde Xefam ata Ha-Riblah, ao oriente de Ain, e seguirá baixando ata tocar a beira oriental do lago de Xenesaret; [12]despois baixará a fronteira ata o Xordán, indo dar ao mar Morto. Tal será para vós o país en todo o perímetro das súas fronteiras.

[13]Moisés ordenoulles entón aos fillos de Israel: –Este é o país que tedes que vos repartir por sortes e que o Señor mandou que se entregue para as nove tribos e media; [14]pois a tribo dos fillos de Rubén, segundo as súas casas paternas, a tribo dos fillos de Gad, segundo as súas casas paternas e media tribo de Menaxés recibiron xa a súa herdade. [15]As dúas tribos e media recibiron a súa herdanza alén do Xordán, de fronte de Iericó, para a banda do oriente.

[16]O Señor díxolle a Moisés: [17]–Estes son os nomes dos homes que vos repartirán a terra: O sacerdote Elazar e Xosué, fillo de Nun. [18]Colleredes, ademais, un príncipe por cada unha das tribos para facer as partillas das herdanzas da terra. [19]Velaquí os nomes deses homes: pola tribo de Xudá, Caleb, fillo de Iefuneh; [20]pola tribo dos fillos de Simeón, Samuel, fillo de Amihud; [21]pola tribo de Benxamín, Elidad, fillo de Quislón; [22]pola tribo dos fillos de Dan, un príncipe: Buquí, fillo de Ioglí; [23]canto aos fillos de Xosé, pola tribo dos fillos de Menaxés, un príncipe: Haniel, fillo de Efod; [24]e pola tribo dos fillos de Efraím, un príncipe: Quemuel, fillo de Xiftán; [25]pola tribo dos fillos de Zebulón, un príncipe: Elisafán, fillo de Parnac; [26]pola tribo dos fillos de Isacar, un príncipe: Paltiel, fillo de Azán; [27]pola tribo dos fillos de Axer, un príncipe: Ahihud, fillo de Xelomí, [28]e pola tribo dos fillos de Naftalí, un príncipe: Pedahel, fillo de Amihud.

[29]Tales son os que o Señor designou para repartiren en herdanza o país de Canaán entre os fillos de Israel.

### Cidades levíticas

**35** [1]O Señor díxolle a Moisés nas planicies de Moab, na beira do Xordán, de fronte de Iericó: [2]–Ordénalles aos fillos de Israel que da súa herdanza en propiedade lles dean aos levitas cidades para habitaren e entregarédeslles tamén as terras de arredor. [3]As cidades serviranlles de morada e as terras serán para o seu gando, a súa facenda e todos os seus animais. [4]Esas terras das cidades que lles tedes de dar aos levitas desde a muralla da cidade para afora, terán mil cóbados en roda. [5]Mediredes, pois, no exterior da cidade: pola parte de oriente, dous mil cóbados; pola parte meridional, dous mil cóbados; pola parte do occidente, dous mil cóbados; e pola parte setentrional, dous mil cóbados, ficando a cidade no centro. Estas serán as terras arredor das cidades. [6]As cidades que tedes de dar aos levitas serán as seis cidades de asilo que estableceredes para que se refuxie alí o homicida; e, ademais delas, darédeslles corenta e dúas cidades. [7]O total das cidades que tedes de dar aos levitas será corenta e oito cidades, cada unha coas súas terras. [8]As cidades que tedes de dar serán tomadas da propiedade dos fillos de Israel: de quen ten moito tomaredes moito e de quen ten menos tomaredes menos; cada un dará das súas cidades para os levitas na proporción da herdanza que teña recibido.

**34** A repartición das terras faise depender de Moisés, para lle dar máis forza xurídica. A fixación das marxes tiña moita importancia no tempo que seguiu á conquista (Xos **14-19**).
**34**, 3 *Mar Morto*: lit. "mar do Sal".
**34**, 7 *Mar Mediterráneo*: lit. "mar Grande".
**34**, 11 *Xenesaret*: lit. "Kinnéret".
**35**, 1ss Cidades que lles corresponden aos levitas e vilas con dereito de asilo para aqueles que son perseguidos pola xustiza por causa dalgún homicidio involuntario (cf notas a Xos **20**, 6 e **21**, 2).

**Cidades de asilo**

9Díxolle o Señor a Moisés: 10–Fálalles aos
fillos de Israel: Cando deades pasado o Xor-
dán cara ao país de Canaán, 11escolleredes
cidades que serán para vós cidades de asilo
e alá refuxiarase o homicida que mate a unha
persoa sen querer. 12Estas cidades serviranvos
de asilo contra o vingador do sangue, para
que o homicida non morra antes de que sexa
xulgado ante a comunidade. 13Reservaredes,
pois, seis cidades de asilo: 14tres cidades do
lado de alá do Xordán e outras tres na terra
de Canaán. Serán cidades de asilo. 15Para os
fillos de Israel, o estranxeiro e o que mora
no medio de vós, esas seis cidades serán de
asilo, para que alí se refuxie todo aquel que
mate a unha persoa sen querer. 16Pero se o
feriu con instrumento de ferro e o mata, é un
homicida; o homicida terá que morrer sen
remedio. 17Se o feriu con pedra tirada coa
man, capaz de causar a morte, e mata, é un
homicida; o homicida morrerá sen remedio.
18Se o feriu cun pau capaz de causar a morte,
e mata, é un homicida; o homicida morrerá
sen remedio. 19O vingador do sangue matará
por si mesmo ao homicida; cando o encon-
tre, matarao. 20Se alguén por odio derruba a
outro ou por inimizade lanza algo contra el e
o mata, 21ou se por inimizade o fere coa súa
man e morre, o agresor morrerá sen remedio;
é un homicida. O vingador do sangue mata-
rá ao homicida cando o encontre. 22Pero se o
derrubou por casualidade, sen odio, ou lan-
zou sobre el calquera cousa sen intención de
lle facer dano; 23ou, sen o ver, lle deu cunha
pedra capaz de causar a morte, e o mata, can-
do non o odiaba nin buscaba o seu dano, 24a
asemblea do pobo xulgará entre o que feriu e
o vingador do sangue, segundo estas leis. 25A
comunidade librará ao homicida da man do
vingador do sangue e conducirao á cidade de
asilo, onde estea refuxiado. Habitará alí ata
a morte do sumo sacerdote, unxido co santo
óleo. 26Mais se o homicida sae do límite da
súa cidade de asilo, onde está refuxiado, 27e
o vingador do sangue o atopa fóra do límite
da súa cidade de asilo, onde estaba refuxiado,
e o mata, non será reo de sangue, 28porque o
homicida debe habitar na súa cidade de asi-
lo ata a morte do sumo sacerdote. Soamente
despois de morrer este, poderá o homicida
regresar á terra da súa propiedade. 29Estas
disposicións constituirán para vós normas de
dereito nas vosas sucesivas xeracións en to-
das as vosas moradas.

30Se alguén mata a unha persoa, daráse-
lle morte, por declaración de testemuñas;
pero unha soa testemuña non abondará para
condenar unha persoa á morte. 31Non acep-
taredes rescate pola vida dun homicida que
é reo de morte, pois terá que morrer sen re-
medio. 32Tampouco aceptaredes rescate por
quen se refuxiou na súa cidade de asilo, para
que volva habitar no país, ata a morte do sa-
cerdote. 33Non deixaredes profanar a terra
na que vivides, porque o sangue profana a
terra e polo sangue derramado na terra non
se pode facer expiación máis ca mediante o
sangue de quen a verteu. 34Non profanaredes
a terra na que habitades e na que tamén es-
tou eu, pois eu, o Señor, moro no medio dos
fillos de Israel.

**Leis sobre o casamento das fillas herdeiras**

**36** 1Os xefes das casas patriarcais da
familia dos fillos de Galaad, fillo de
Maquir, fillo de Menaxés, de entre as fami-
lias dos fillos de Xosé, aproximáronse, e to-
mando a palabra ante Moisés e os príncipes,
xefes das casas patriarcais dos israelitas, 2di-
xeron: –O Señor mandou ao meu señor que
reparta por sortes a terra aos fillos de Israel.
Tamén lle foi ordenado ao meu señor polo
Señor que dese a herdanza do noso irmán
Selofad ás súas fillas. 3Mais se elas casan
con alguén doutra tribo dos fillos de Israel,
o seu patrimonio será quitado do patrimonio
de nosos pais e irá engadir a herdanza da tri-
bo daqueles aos que elas pasan a pertencer,
diminuíndo así o lote da nosa herdanza. 4E
cando chegue o xubileu para os fillos de Is-
rael, a súa herdade agregarase á herdade da
tribo daqueles aos que lles pertenzan e virá
así a quitarse da herdanza da tribo de nosos
pais.

5Entón Moisés, por mandato do Señor,
deu orde aos fillos de Israel: –Din ben os
da tribo dos fillos de Xosé. 6Velaquí o que
ordenou o Señor para as fillas de Selofad:
casarán con quen elas queiran, mais soa-
mente con quen pertenza á familia da súa
tribo. 7Así a herdanza dos de Israel non pa-
sará dunha tribo a outra, senón que os isra-
elitas quedarán ligados cada un á herdanza
da súa tribo paterna. 8E toda filla que herde
patrimonio nunha tribo dos fillos de Israel,
terá de casar con alguén que pertenza á fa-
milia da tribo de seu pai, a fin de que os
israelitas manteñan cada un a posesión da
súa herdanza paterna 9e non pase a herdanza

**35**, 12 *Vingador do sangue*: "Goel": cf nota a Rut **2**, 20.

dunha tribo a outra, para que as tribos dos
fillos de Israel estean vinculadas con cada-
súa herdanza.
10Tal e como lle ordenou o Señor a Moi-
sés, así fixeron as fillas de Selofad: 11Mahlah,
Tirsah, Hoglah, Milcah e Noah, fillas de Se-
lofad, casaron con fillos dos seus tíos. 12Ca-
saron dentro das familias dos fillos de Me-
naxés, fillo de Xosé, e a herdade delas ficou
na tribo da familia de seu pai.
13Estes son os preceptos e leis que prescri-
biu o Señor por medio de Moisés aos fillos de
Israel nas chairas de Moab, xunto ao Xordán,
de fronte a Iericó.

# INTRODUCIÓN AO DEUTERONOMIO

## 1. Título do libro

*O nome* Deuteronomio*, que dan os LXX ao quinto libro da Biblia, significa "Segunda Lei". A Biblia hebrea dálle o título de "Estas son as palabras", segundo a norma de designar os libros polos primeiros vocábulos empregados neles.*

*A preocupación fundamental da obra é a de repensar teolóxica e liturxicamente a Lei de Deus.*

## 2. O Xénero Literario do Deuteronomio

*No Deuteronomio, ofrécese algo semellante ao que acontece coas homilías das celebracións litúrxicas: recórdansenos os feitos, palabras e leis da Historia da Salvación, e anímasenos a seguir estas leis de Deus, para vivirmos felices.*

## 3. O Deuteronomio e a festa da Renovación da Alianza

*O libro do Deuteronomio recolle a liturxia da festa da Renovación da Alianza. É preciso localizar esta festa, porque para algúns Salmos o tema da Alianza é central e non se ve a que liturxia vinculala.*

*A fórmula "o santuario que o Señor escolle para que alí habite o seu Nome" invade practicamente toda a obra. Non parece que se poida referir na súa orixe ao santuario de Xerusalén, xa que o Dt esquece totalmente as tradicións xudías, mentres que é fidelísimo ás tradicións do Reino do Norte.*

*Os libros dos Reis e das Crónicas (cf 1 Re **12**, 1ss; 2 Cro **10**, 1ss), coma o de Xosué e o dos Xuíces (cf Xos **24**, 1. 25. 32; Xuí **9**, 1ss), confirman o dato de Dt **27**, 4. 12. 13, no que se ve que o ritual da Alianza ten que ver co santuario de Xequem, un lugar franqueado polos montes Garizim e Ebal. Temos, pois, localizado en Xequem "o santuario que o Señor escolle para que alí habite o seu Nome", lugar de culto vinculado a tradicións de Alianzas (cf Xén **34**, 2-26). Esa festa non se celebraba cada ano, senón soamente nos anos sabáticos (cf Dt **31**, 9-13). Segundo Dt **15**, 1ss tiña lugar daquela a remisión das débedas e a devolución dos eidos que por venda pasaran a outras mans. A Renovación da Alianza tiña a expresión ritual e cúltica nunhas actitudes expresadas en feitos de vida: o perdón das débedas e a nivelación radical dos bens de produción, todo como expresión da Alianza de Deus co pobo, a través da que lle promete e asegura a felicidade e a bendición.*

## 4. Os autores do Deuteronomio, no seu contorno espiritual e histórico

4.1.*Pertencen ao santuario de Xequem, onde nace o ritual da festa da Renovación da Alianza, que inclúe as tradicións do Éxodo (**4**, 44-**11**, 32), o Código Deuteronómico (Dt **12-26**) e mais as bendicións e maldicións (Dt **27**, 1-**28**, 68).*

4.2. *A data de nacemento dos textos xira ao redor do século IX a. C. Xa despois da caída de Samaria (722 a. C.), ao deixar de existir o santuario de Xequem, os levitas fóronse para Xerusalén, levando consigo o Libro da Lei (Dt **1**, 6-**28**, 68). Un século máis tarde (ano 622), nos tempos de Ioxías, vai servir de inspirador dunha reforma nacionalista e cúltica: santuario único (en Xerusalén), conversión ao iavismo puro e reforma das festas (especialmente da Pascua). Ioxías soamente se distancia da Lei do Deuteronomio (cf 1 Re **23**, 8-9), ao non darlles funcións sacerdotais máis que aos sacerdotes de Xerusalén, establecendo ademais unha verdadeira xerarquía entre sacerdotes e levitas. Vaise formando unha escola profética e literaria, que dará abondo froito durante o desterro, animando á xente á conversión e á volta aos compromisos da Alianza. Este grupo de persoas –posiblemente sacerdotes de Xerusalén– refundirán os libros históricos e os textos proféticos, na liña teolóxica dos seus devanceiros. Serán chamados "deuteronomistas" (dtr), pola súa proximidade ao Deuteronomio e mais á teoloxía desenvolta en Xequem.*

*No exilio, a chamada dos deuteronomistas á fidelidade á Alianza, faise na liturxia sinagogal, que se tiña durante o exilio babilónico.*

## 5. Temas teolóxicos máis importantes do Deuteronomio

5.1. ***Deus**, referido ao pobo de Israel, co que amosa unha relación moi persoal. É o Deus da Alianza, que se revelou nos feitos da historia de Israel, e que continúa bendicindo o pobo, cando este é fiel. O cume da manifestación divina está na terra prometida, que o Señor lles dará.*

5.2. ***O amor***, *concretado no que Deus sente a favor do seu pobo, e á correspondencia que o pobo debe ter verbo de Deus. O motivo da liberación de Exipto e o acompañamento do pobo e mais dos que están con el, débese ao amor de Deus aos pais (**10**, 15. 18; cf **4**, 37; 7, 7-8; **23**, 6). O pobo debe corresponder amando a Deus con todo o corazón (**6**, 5; **10**, 12), e cumprindo os seus mandamentos (**5**, 10; **11**, 1).*

5.3. ***A elección de Israel*** *como pobo de Deus, débese ao amor que Deus lles ten aos devanceiros.*

5.4. ***A Alianza e a Lei***. *A Alianza do Horeb (nas tradicións de Xudá "o Sinaí"), é unha das principais fontes da teoloxía do Deuteronomio, que se actualiza na celebración litúrxica de Xequem. Leva consigo un compromiso bilateral, polo que Deus conduce o pobo ao esplendor, mentres que este se consagra a Deus e fai caso das súas leis e mandatos. A xente debe manterse fiel á Alianza co que recibe bendicións de Deus (**28**, 1-14). Sen embargo, mesmo no caso de infidelidade do pobo, Deus non esquecerá a promesa feita aos pais (**4**, 31). As bendicións para os que son fieis á Alianza, son deste tipo: vivir felices (**4**, 1-4; **5**, 29-33...), alongar os días da vida (**3**, 33), ter descendencia abondosa (**8**, 1) e habitar a terra prometida (**4**, 1-4).*

*A Lei de Deus, por ser "revelación" (="torah"), hai que mantela como é, sen lle engadir nin quitar nada (**4**, 2; **5**, 22; **13**, 1) e cumprila con fidelidade.*

5.5. ***A guerra santa e o don da terra.*** *A Lei debe ser observada: velaí por que o ideal era evitar todo perigo de idolatría, cousa que acontecería no caso de se mesturaren cos amorreos. A terra prometida é o ben máis prezado que dá o Señor. O pobo debe agradecerllo a Deus, coa ofrenda das primicias dos froitos (cf **26**, 1-11). No uso da terra, débense ter en conta os preceptos conducentes á nivelación económica: os dereitos dos pobres na prohibición do rebusco nas colleitas e a facilidade para que eles o fagan (cf **23**, 25-26), o dereito a que collan espigas ou uvas cando van de camiño (cf **24**, 5-**25**, 4), a volta das propiedades aos antigos donos no xubileu ou mesmo no ano sabático, e a xustiza que Deus promove a favor do orfo e da viúva (cf **18**, 8).*

5.6. ***A comunidade***. *Pódese tratar do pobo ou ben da comunidade litúrxica. Un dos elementos básicos na organización da comunidade é a familia. A pedagoxía familiar terá como contido fundamental as experiencias salvíficas e as leis recibidas na asemblea (**4**, 9-10): os mandamentos en especial o amor a Deus (**6**, 6; **11**, 19), enraizados eles na liberación de Exipto e referidos ao don da terra prometida (**6**, 20-25), co Canto de Moisés como testemuño contra as infidelidades á Alianza (**31**, 19). Todo iso transmitirase por tradición, de pais a fillos, netos... (**4**, 9; **31**, 9; **32**, 2ss).*

5.7. ***Moisés***. *É o profeta por excelencia (**34**, 10), o que pronuncia todos os discursos, transmitindo ao pobo a mensaxe de Deus. Relaciónase con Deus (**9**, 9-15) e intercede pola asemblea (**9**, 18-20.25-29). É mediador e intérprete da Alianza (**1**, 5), e recórdalle ao pobo os mandamentos do Señor (**5**, 5. 23-27). Proclama a presenza benévola de Deus no medio do pobo.*

## 6. Disposición do escrito

6.1. *Introdución histórica ao primeiro discurso: **1**, 1-5.*

6.2. *Discurso primeiro: reflexións teolóxicas sobre as tradicións do Éxodo (ata a conquista e a repartición das terras da Transxordania): **1**, 6-**4**, 43.*

6.3. *Introdución histórica ao segundo discurso: **4**, 44-49.*

6.4. *Discurso segundo: **5**, 1-**28**, 68.*

6.5. *Reflexión teolóxica sobre as tradicións do Éxodo e da conquista da Cisxordania: **5**, 1-**11**, 32.*

6.6. *Código deuteronómico: **12**, 1-**26**, 18.*

6.7. *O santuario central e a liturxia da Alianza que se celebra nel: **27**, 1-**28**, 68.*

6.8. *Introdución ao terceiro discurso: **28**, 69.*

6.9. *Discurso terceiro (exílico e deuteronomístico): **29**, 1-**30**, 19.*

6.10. *Conclusión: Testemuños da Lei e da Alianza, e sucesión de Moisés: **30**, 11-**34**, 12.*

*Nota: Os vv. 11-19 do c. **30** van incluídos en dous apartados, porque fan de transición.*

# DEUTERONOMIO

## DISCURSOS DE INTRODUCIÓN

### Introdución histórica

**1** [1]Estas son as palabras que lle dirixiu Moisés a todo Israel na outra beira do Xordán, no deserto, isto é, na Arabah, enfronte de Suf, entre Parán por unha banda e Tofel, Labán, Haserot e Dizahab pola outra.

[2]Para viren desde o Horeb ata Cadex Barnea pola serra de Seir cumpríronlles once días. [3]O día primeiro do undécimo mes do ano corenta, faloulles Moisés aos israelitas, tal e como lle mandara o Señor que lles falase, [4]despois de que Moisés derrotara ao rei dos amorreos, Sihón, que reinaba en Hexbón, e despois de que derrotara en Edrei ao rei de Baxán, Og, que reinaba en Axtarot. [5]Ao outro lado do Xordán, no país de Moab, comezou Moisés a pór en claro esta Lei dicíndolles:

## DISCURSO PRIMEIRO

### A doazón da terra prometida

[6]–O Señor, noso Deus, falounos no Horeb, nestes termos: xa levades vivindo dabondo nestas serras. [7]Arrincade as vosas tendas e entrade na serra dos amorreos e onda os seus veciños que viven na Arabah, na montaña e na Terra Baixa, no Négueb e na beira do mar. Ollade para o país dos cananeos e para o Líbano ata o río grande, o río Éufrates. [8]Poño diante de vós esta terra: entrade a tomar posesión da terra que o Señor lles prometeu con xuramento a vosos pais, a Abraham, a Isaac e mais a Xacob: que llela daría a eles e á súa descendencia despois deles.

### Institución dos Xuíces nunha comunidade organizada

[9]Daquela díxenvos deste xeito: "Non son capaz eu só de vos rexer; [10]o Señor, voso Deus, multiplicouvos e velaí que hoxe sodes unha multitude coma as estrelas do ceo. [11]Que o Señor, Deus dos vosos pais, vos aumente mil veces máis e que vos bendiga tal e como volo prometeu. [12]E como poderei aguantar eu só as vosas dificultades, os vosos problemas e os vosos litixios? [13]Procurádevos para as vosas tribos homes de experiencia, intelixentes e instruídos, e eu poreinos á fronte de vós". [14]Entón vós respondéstesme: "Está ben o plan que nos propuxeches facer". [15]Logo eu escollín para pór á fronte das vosas tribos homes de experiencia e instruídos, e púxenos á vosa fronte: xefes de mil, xefes de cento, xefes de cincuenta e xefes de dez, para cada unha das vosas tribos. [16]Naquel momento deilles tamén estas normas aos vosos xuíces: "Escoitade os litixios entre os vosos irmáns e sentenciade conforme a xustiza os preitos entre un e o seu irmán, ou entre un e o estranxeiro que con el vive. [17]No xuízo non teñades en conta o aspecto das persoas: atendede ao pequeno o mesmo ca ao grande; non lle teñades medo á presenza de ninguén, pois o xuízo é cousa que lle pertence ao Señor. O preito que vos resulte difícil traédemo a min, que eu o escoitarei". [18]Naquel momento tamén vos mandei todas as normas que tendes que cumprir.

**1**, 1-15 Estes versos serven de enlace coa conclusión do libro dos Números (Núm **36**, 13), ao mesmo tempo que resumen as primeiras etapas do camiño polo deserto, remontándose do máis recente ás etapas máis antigas. Arabah = Núm **36**, 13; Suf = **21**, 14; Parán = **10**, 12, onde hai que situar Labán e Haserot, que figuran no itinerario de Núm **33**, 17-20.
Mais a redacción destes vv. é claramente deuteronomista, como se ve polas expresións "todo Israel" e "a asemblea de todas as tribos de Israel" e polo especial protagonismo de Moisés, xa que é Moisés quen fala, non Deus por medio de Moisés, e sobre todo pola datación do día *primeiro do mes undécimo*.
**1**, 5 Esta Lei é como a tipificación do libro, e quizais esta sección foi a introdución ao libro da lei orixinario no seu conxunto (**12**, 1-**28**, 68), que se viu interrompida polos discursos de Moisés na redacción dos deuteronomistas, durante o desterro en Babilonia.
**1**, 6-8 O autor fai notar o protagonismo de Deus nas etapas da peregrinación polo deserto, e moi especialmente na entrega da terra prometida aos pais, que son os transmisores da promesa de Deus relativa á terra (cf **1**, 20-21).
**1**, 11 A multiplicación do pobo deixa de ser causa de queixa (Núm **11**, 11-15); pode considerarse como froito da bendición do Señor e do cumprimento das promesas feitas aos pais.
**1**, 13-15 A comunidade do Dt non é amorfa, senón organizada e con sabios á fronte de cada grupo, que executan a función sacra de xulgar no nome do Señor (v. 17) e por iso o xuízo ten que ser xusto.

**Exploración do país e primeira desconfianza con Deus**

19Logo marchamos do Horeb e, atravesando todo aquel inmenso e terrible deserto que vós vistes, polos montes dos amorreos, tal como nolo mandara o Señor, noso Deus, chegamos a Cadex Barnea. 20Entón eu díxenvos: "Xa chegastes aos montes dos amorreos, que o Señor, o noso Deus, nos entrega. 21Olla: o Señor, o teu Deus, ponche diante este país; sube e toma posesión del, tal como o Señor, Deus de teus pais, cho prometeu. Non teñas medo nin te acovardes!". 22Entón todos vós presentástesvos diante miña e dixestes: "É mellor que mandemos uns homes diante de nós para que exploren o terreo e nos informen do camiño por onde temos que subir e das cidades que temos que tomar". 23Pareceume ben a proposta, e escollín de entre vós doce homes, un home por tribo. 24Eles emprenderon a subida cara aos montes e chegaron á ribeira do Excol; e percorrérona a pé. 25Colleron a proba dos froitos deste país e baixaron xunto a nós para nos informaren. Dixeron: "É boa a terra que o Señor, o noso Deus, nos vai dar". 26Pero vós non quixestes subir e rebelástesvos contra a orde do Señor, voso Deus. 27Levantastes calumnias baixo as vosas tendas, dicindo: "Polo odio que o Señor nos ten, foi polo que nos sacou do país de Exipto, para nos entregar ao poder dos amorreos, para que nos fagan desaparecer. 28Onde imos nós subir? Os nosos irmáns fixeron esmorecer os nosos corazóns, ao diciren: Son un pobo máis grande e máis corpulento ca nós, cidades máis grandes e máis cortadas a pico ca o ceo e mesmo vimos alí anaquitas". 29Entón díxenvos: "Non estarrezades nin lles teñades medo. 30O Señor, o voso Deus, será quen irá diante de vós; El pelexará no voso favor tal como fixo, diante dos vosos ollos, en Exipto. 31E polo deserto viches como o Señor, o teu Deus, te trouxo no colo, coma un home trae ao seu fillo, por todo o camiño que percorrestes ata chegardes a este lugar". 32Pero a pesar deste razoamento vós non vos fiastes do Señor, o voso Deus, 33quen ía por diante de vós polo camiño, para vos buscar sitio onde acampar, quen ía diante de vós de noite, no lume, para que vísedes o camiño por onde tiñades que marchar, e de día, na nube.

34Ao escoitar o Señor o rumor das vosas palabras, anoxouse, e con xuramento dixo: 35"Ninguén destes homes, ninguén desta xeración pervertida verá esa terra bendita, que xurei darlles a vosos pais, 36excepto Caleb, fillo de Iefuneh; este poderá vela e eu dareilles a el e aos seus fillos a terra que pise, xa que el seguiu sen reservas ao Señor". 37Pola vosa culpa tamén se anoxou o Señor contra min e díxome: "Tampouco ti non entrarás alí. 38Xosué, o fillo de Nun, o teu criado, el será quen entrará alí; confiareille o poder, pois el será quen lle repartirá a Israel a terra en herdanza. 39Os vosos meniños, que coidabades que servirían de botín, os vosos fillos que hoxe aínda non saben distinguir o ben do mal, eles serán os que entrarán alí, a eles dareilles a terra e eles tomarán posesión dela. 40Vosoutros dade a volta e botádevos ao deserto na dirección do mar Vermello". 41Entón vós respondéstesme nestes termos: "Cometemos pecado contra o Señor. Imos subir e loitar tal como nolo mandou o Señor, noso Deus". Vós cinguistes as vosas armas de guerra e tivestes por cousa doada subir aos montes. 42Pero o Señor díxome: "Dilles isto: Non subades

**1**, 21 A acción do Señor de lles entregar a terra implica a seguridade de tal don, e ten de excluír todo temor e covardía, ante as dificultades concretas. A acción de Deus está por riba das continxencias históricas: caída do reino do Norte, caída de Xerusalén. Esta seguridade do éxito é característica da guerra santa: cf **1**, 29; **7**, 21; **20**, 1; **30**, 8.

**1**, 22ss Ás seguridades ofrecidas por Deus, o pobo responde pedindo a exploración do país (en Núm **13**, 2 é Deus quen a propón), e despois da lembranza do país, os representantes do pobo propoñen as dificultades concretas (vv. 27-28), que provocan a primeira desconfianza co Señor.

**1**, 28 *Os anaquitas*, o mesmo que os emitas, os refaítas, zamzumitas e os suritas, son nomes do que quedaba dos antigos poboadores de Palestina, aos que se lles atribuían os monumentos megalíticos (cf **2**, 10-11. 20-21; Xén **6**, 4; **14**, 5; Núm **13**, 33; Os **11**, 21s; **14**, 12-15; **15**, 13-15).

**1**, 29ss A crise de fe ou a rebeldía contra o Señor e o seu plan resólvese coa reflexión meditativa sobre a manifestación de Deus ao longo da historia e especialmente da historia do Éxodo, cousa que os autores comparten con Oseas (cf **9**, 10; **11**, 1-4; **12**, 10-11).

**1**, 34ss O v. 35 contén un oráculo de xuízo condenatorio contra a xeración infiel, coa súa excepción Caleb, remarcando así a causa da tal condenación. O mesmo Moisés vese afectado polo castigo, non obstante a súa fidelidade: o pecado do pobo afecta nas súas consecuencias á súa "cabeza". O castigo deixa un "resto", no que continúa a promesa salvífica: os fillos.

**1**, 41-46 O anuncio de castigo ten o seu efecto na conciencia do pobo: recoñecer o propio pecado e disporse a cumprir a orde do Señor: mais esta orde ten de ser o que aquí e agora o Señor quere e comunica por medio do seu profeta, non o que un libremente quere entender que é a vontade do Señor.

nin trabedes pelexa, ollade que eu non estou no medio de vós para que non vos poidan os vosos inimigos". [43]Díxenvolo, pero non me fixestes caso, senón que vos rebelastes contra o mandato do Señor, e cheos de orgullo subistes aos montes. [44]Pero os amorreos, que dominaban aquelas montañas, saíronvos ao paso e perseguíronvos o mesmo que o farían as abellas, e derrotáronvos desde Seir ata Hormah. [45]Ao volverdes, puxéstesvos a chorar diante do Señor, pero o Señor non fixo caso do voso choro nin vos escoitou: [46]por isto seguistes vivindo en Cadex tanto tempo como alí levabades vivindo.

### O paso por Edom, Moab e Amón

**2** [1]Despois puxémonos ao camiño na dirección do mar Vermello tal como mo dixera o Señor, e demos voltas ao monte Seir durante moito tempo. [2]Logo o Señor díxome así: [3]"Xa está ben de dardes voltas a estes montes. Dirixídevos ao norte. [4]Dálle estas ordes ao pobo: Vós ides pasar as fronteiras dos vosos irmáns, os fillos de Esaú, que viven no Seir. Eles téñenvos medo, pero gardádevos ben [5]de metervos con eles, xa que da súa terra non vos vou dar a vós nin sequera a pisada da planta do pé, senón que os montes de Seir deillos en herdanza a Esaú. [6]A comida que ides comer, comprádellela a eles con prata, e a mesma auga que ides beber, comprádellela tamén con prata; [7]pois velaí que o Señor, o teu Deus, te bendiciu en todas as túas empresas, tivo coidado de ti ao camiñares por este enorme deserto. Durante estes corenta anos, estivo contigo o Señor, o teu Deus, e nada che faltou". [8]E ao saírmos de xunto nosos irmáns, os fillos de Esaú que vivían en Seir, deixando o camiño da Arabah, de Eilat e de Esion-Guéber, collemos a dirección do deserto de Moab. [9]E o Señor díxome: "Non ataques a Moab nin te metas en guerra con eles; mira que non che dou en herdanza nada do seu país, pois xa lles dei aos fillos de Lot en herdanza a cidade de Ar. [10](Noutros tempos vivían alí os emitas, un pobo grande, numeroso e alto de estatura, igual ca os anaquitas. [11]Todos coidan que os emitas eran refaítas coma os anaquitas, pero os moabitas chámanlles emitas. [12]Tamén en Seir vivían noutros tempos os hurritas, pero os fillos de Esaú expulsáronos e botáronos de diante de si, establecéndose no seu lugar, o mesmo que fixo Israel co país que o Señor lle deu en herdanza). [13]Agora, en marcha, e póndevos a atravesar o regato Zéred". E pasamos o regato Zéred.

[14]Trinta e oito anos foi o tempo que nos levou atravesar desde Cadex Barnea ata que pasamos o regato Zéred e ata que desapareceu do campamento toda aquela xeración de homes de guerra, tal como o Señor llelo xurara. [15]Pois a man do Señor estaba clamorosamente contra eles para espantalos do medio do campamento ata que desaparecesen completamente.

### Conquista en guerra santa do reino de Sihón

[16]Unha vez que todos os homes de guerra desapareceron, por iren morrendo no medio do pobo, [17]faloume o Señor nestes termos: [18]"Ti, atravesa hoxe a fronteira de Moab, por Ar. [19]Cando chegues á presenza dos fillos de Amón, non os ataques nin te metas con eles, xa que non che dou en herdanza nada do territorio dos fillos de Amón, pois xa llelo teño dado en herdanza aos fillos de Lot. [20](Este territorio tamén se considera territorio dos refaítas, pois noutros tempos viviron nel os refaítas, a quen os amonitas lles chaman zamzumitas: [21]un pobo grande, numeroso e alto de estatura, o mesmo ca os anaquitas. O Señor fíxoos desaparecer de diante dos amonitas, que os desposuíron para se estableceren no seu lugar. [22]Foi o mesmo que fixo o

**2**, 1-25 O autor xunta o tema da repartición providencial que Deus fixo das nacións co don da terra prometida: Iavé tamén se preocupa das nacións pagás. Esta acción providencial de Deus quizais reflicta a situación histórica do final do s. VII, cando estas nacións xogaron un papel importante coa súa independencia de Asiria. O esquema literario é sinxelo: ordes de Deus (**2**, 3. 9. 18), ás que responde a execución por parte do pobo.

**2**, 4ss Presenta unha tradición distinta de Núm **20**, 14-20 (fonte E), segundo a cal o rei edomita non lles permite pasar polo seu territorio. A tradición do Dt quizais proveña das tribos de Transxordania, Menaxés e Gad. Os edomitas son descendentes de Esaú, e viven nas costeiras do monte Seir, que está ao poñente da Arabah, e dominan, ao menos teoricamente, a Arabah, depresión xeolóxica que vai do golfo de Aqaba ou Eilat (no mar Vermello) ao mar Morto.

**2**, 9 *Moab* é un pobo que habitou ao SL do mar Morto, e críanse descendentes de Lot, o mesmo ca os *amonitas* (cf v. 19), que vivían máis ao N.

**2**, 14 *Xurara*. Aquí o autor reinterpreta o oráculo de castigo de **1**, 35 como un xuramento incondicional feito por Deus, e por tanto vinculante para El.

**2**, 15 *A man*, na antropoloxía estereométrica semítica, vén significar a poderosa actuación da persoa, nun sentido determinado. Aquí temos ademais un antropomorfismo teolóxico. A poderosa acción de Deus estaba cumprindo o seu oráculo-xuramento de exterminar a xeración do deserto.

**2**, 22 *Os hurritas* non indican unha raza, senón que huru é un dos nomes que lle dan os documentos exipcios á rexión de Palestina; non se teñen que confundir cos hurritas dos documentos cuneiformes.

Señor en favor dos fillos de Esaú, que viven en Seir, pois o Señor fixo desaparecer os hurritas de diante dos fillos de Esaú, que os desposuíron e se estableceron no sitio ata o día de hoxe. [23]Os avitas, que vivían nas bisbarras ata Gaza, os cretenses, que saíran de Creta, fixéronos desaparecer, para se estableceren no seu lugar). [24]En pé! En marcha! Cruzade o regato Arnón. Mira que che entrego no teu poder a Sihón, o amorreo, rei de Hexbón, e o seu territorio. Comeza e conquista, declárralle a guerra. [25]O día de hoxe comezo a te converter no causante de temor e de terror ante a presenza dos pobos que hai debaixo de todo o firmamento: ao teren noticia do teu renome, poranse a tremer e escaparán da túa presenza".

[26]Logo eu, desde o deserto do nacente, mandei mensaxeiros a Sihón, rei de Hexbón, con esta mensaxe de paz: [27]"Déixame pasar a través do teu país, ao longo do vieiro; irei polo vieiro sen virar nin á dereita nin á esquerda. [28]Comerei a comida que me queiras vender a prezo de prata, e beberei a auga que me queiras dar, a cambio de prata. Déixame tan só pasar a pé, [29]o mesmo que me deixaron os fillos de Esaú, que viven en Seir, e os moabitas que viven en Ar, ata que pase o Xordán para a terra que o Señor, o noso Deus, nos vai entregar". [30]Sihón, o rei de Hexbón, non nos quixo deixar pasar por xunto del, xa que o Señor, o teu Deus, volveu testán o seu espírito e duro o seu corazón, para entregarcho na túa man, tal como hoxe está. [31]Entón o Señor díxome: "Olla, eu comecei por entregarche a Sihón e a súa terra. Ti comeza por recibir en herdanza o seu país". [32]Entón Sihón saíunos ao encontro en plan de guerra en Iahsah, el e mais o seu pobo. [33]E como o Señor, o noso Deus, nolo entregou á nosa vontade, derrotámolo a el, aos seus fillos e a todo o seu pobo. [34]E naquel intre conquistamos todas as súas cidades, consagrando ao exterminio cada cidade: homes, mulleres e meniños, e sen deixarmos sobreviventes. [35]Soamente deixamos para nós como botín os animais e os espolios das cidades que conquistaramos. [36]Desde Aroer, que está na beira do río Arnón, e desde a cidade que está no val, ata Galaad, non houbo cidade que se nos resistise. O Señor, o noso Deus, entregaránolas todas elas, á nosa vontade. [37]Soamente non te achegaches ao país dos amonitas, a todo o longo do val do Iaboc e ás cidades da montaña, e a todo o que o Señor, o noso Deus, che prohibira.

### Guerra santa e conquista do reino de Og en Baxán

**3** [1]Logo nós volvemos para subir camiño de Baxán, cando Og, o rei de Baxán, nos saíu ao encontro en Edrei en plan de guerra, el e todo o seu exército. [2]Entón díxome o Señor: "Non lles teñas medo, xa que chos puxen na túa man, a el, a todo o seu exército e o seu país; e has de lles facer o mesmo que lle fixeches a Sihón, o rei dos amorreos, que reinaba en Hexbón". [3]Deste xeito, o Señor, o noso Deus, tamén nos entregou nas nosas mans a Og, rei de Baxán, e a todo o seu exército, e derrotámolo ata non deixarlle sobrevivente. [4]Daquela, apoderámonos de todas as súas cidades, sen que quedase ningunha que non tomásemos. Sesenta cidades de toda a comarca de Argob, eran o reino de Og en Baxán. [5]Todas estas cidades estaban fortificadas con altos muros, porta dobre e trancas, sen contar as cidades de abundante poboación pericita desde antigo. [6]Consagrámolas ao exterminio, o mesmo que fixeramos con Sihón, rei de Hexbón; consagramos cada unha das cidades: a homes, mulleres e meniños; [7]deixamos para nós todos os animais e o botín destas cidades.

[8]Entón, arrebatámoslles a dous reis amorreos do outro lado do Xordán este territorio: desde o río Arnón ata o monte Hermón. [9](A xente de Sidón chámalle Sirión ao Hermón, mentres que os amorreos lle chaman Senir). [10]Todas as cidades da Chaira e todo o Galaad e todo o Baxán ata Salcah e Edrei,

**2**, 23 Kaftor e kaftoritas traducímolo por Creta, cretenses, aínda que poden significar tamén as costas de Asia Menor e os seus habitantes. Estes kaftoritas ou cretenses son os filisteos (cf Xén **10**, 14; Xos **13**, 2; Am **9**, 7).

**2**, 24-25 Temos aquí unha declaración oracular de "guerra santa", narrada no discurso. A declaración de guerra que o pobo fai é a expresión do terror sacro que Deus vai infundir nos inimigos ante a súa presenza e en todos os pobos que o oian cantar. Os vv. 26ss están tomados, aínda que non á letra, de Núm **21**, 21-23.

**2**, 30 Danos a concepción teolóxica semítica da historia: os acontecementos históricos son expresión das intervencións positivas de Deus e do sobrenatural. A expresión "tal como hoxe está" supón a persistencia de dominio israelita na Transxordania, o que faría remontar a composición do libro, cando menos, á metade do s. VIII.

**2**, 31 O comezo da conquista con guerra santa é como o anticipo da conquista de todo o país. A guerra santa inclúe fundamentalmente o exterminio de todos os humanos e o arrasamento das cidades, gardando para botín os animais e os bens materiais.

**3**, 5 *Os pericitas* son labregos que vivían en cidades non fortificadas.

eran cidades do reino de Og en Baxán.[11](Og, o rei de Baxán, era o único que quedaba do resto dos refaítas: Velaí o seu sartego!, o sartego de bronce que hai en Rabat dos amonitas; ten nove cóbados de longo por catro de ancho medido en cóbados ordinarios). [12]Ata entón, tomaramos posesión de todo este territorio.

**Repartición entre as tribos da Transxordania**

Entregueilles aos rubenitas e gaditas a metade da montaña de Galaad e mais as súas cidades, desde Aroer, que se atopa á beira do río Arnón. [13]Á metade da tribo de Menaxés entregueille o resto de Galaad e todo o Baxán, toda a rexión de Argob, que fora o reino de Og (a toda esta rexión de Baxán, chámanlle país dos refaítas).

[14]Iaír, o fillo de Menaxés, recibiu toda a rexión de Argob ata as fronteiras dos guexurritas e dos macateos, e ata o día de hoxe estes habitantes chamáronse co seu nome, e a Baxán chamóuselle Tendas de Iaír. [15]A Maquir entregueille o Galaad. [16]Aos rubenitas e aos gaditas entregueilles desde Galaad ata o río Arnón, servindo de fronteira o medio do río, e ata o río Iaboc, a fronteira dos amonitas. [17]E ademais a estepa que ten o Xordán por fronteira, desde Xenesaret ata o mar da estepa, isto é, ata o mar Morto e ao nacente onde está, augas abaixo, a liña divisoria de augas do Pisgah.

**Ordes de Moisés para preparar a invasión da Cisxordania**

[18]Daquela deivos estas ordes: "O Señor, o voso Deus, entregouvos este país en posesión, pero vós, soldados, e todos os homes útiles para a guerra, pasaredes diante dos vosos irmáns israelitas. [19]Soamente as vosas mulleres, os vosos meniños e os vosos rabaños –pois eu sei que tendes moitos rabaños– quedarán nas vosas cidades, nas que vos acabo de dar, [20]ata que o Señor, o voso Deus, faga descansar a vosos irmáns, como vos fixo a vós, e ata que tamén eles tomen posesión da terra que o Señor, o voso Deus, lles vai dar ao outro lado do Xordán. Entón cada un de vós poderá volver á súa posesión, a que eu vos dei".

**Súplica de Moisés: O don da terra**

[21]Entón deille estas ordes a Xosué: "Ti viches cos teus propios ollos todo o que o Señor, o voso Deus, lles fixo a eses dous reis, o mesmo lles fará o Señor a todos os reinos nos que ti vas entrar. [22]Non lles teñades medo, pois o Señor, o voso Deus, estará comprometido na guerra ao voso favor".

[23]Entón eu fixenlle ao Señor esta súplica: [24]"Meu Señor, Deus! Ti comezaches por permitirlle ao teu servo ver a túa grandeza e a túa man forte. Que deus pode haber no ceo ou na terra, que faga as mesmas obras ca ti, ou teña o mesmo poder? [25]Permíteme que eu poida cruzar para ver esa boa terra que está da outra banda do Xordán, esa boa montaña e o Líbano". [26]Pero alporizouse o Señor contra min pola vosa culpa e non me fixo caso, senón que me dixo: "Xa abonda! Non sigas falándome nestes termos. [27]Sube ao cume do Pisgah e levanta a vista cara ao occidente e cara ao norte, cara ao sur e cara ao nacente: olla cos teus ollos, pois ti non cruzarás o Xordán que aí tes. [28]Dálle ordes a Xosué: anímao e infúndelle valentía, xa que el será o que cruzará á fronte deste pobo e quen lle dará en herdanza esta terra que ti estás vendo". [29]Logo quedamos no val diante de Bet Peor.

**A Lei, don de Deus, é fonte de sabedoría e de vida**

**4** [1]E agora, Israel, escoita as leis e decretos que eu vos ensino a cumprir para que vi-

**3**, 11 Este sarcófago de ferro ou basalto con partículas de ferro, tivo que ser un dos monumentos megalíticos, ao que se axuntou na tradición a sepultura de Og.
O cóbado ten 45 cm.
**3**, 17 *Mar Morto*: lit. "mar do Sal".
**3**, 18ss O autor concibe a conquista da Cisxordania ou Palestina como unha acción da guerra santa, levada a cabo por toda a asemblea (qahal) de Israel: por isto fai pasar xuntos a todos os homes de guerra; á parte da fe no Deus do Éxodo e da Alianza, este feito foi o que mantivo entre as tribos o vínculo comunitario.
**3**, 23-28 Esta súplica de Moisés e a resposta do Señor teñen a finalidade de subliñar a importancia do don da terra, ao mesmo tempo que remarca o carácter profético e carismático de Moisés, que ten de alentar a Xosué para a empresa que lle espera. O rexeitamento da súplica de Moisés fúndase nunha decisión de Deus e xustifícase aquí e noutros textos (**1**, 37; **4**, 21; Sal **106**, 32) na solidariedade de Moisés co seu pobo, non na súa falta persoal. Noutros, na súa participación na revolta de Meribah (**32**, 51; Núm **20**, 12; **27**, 12-14).
**4** Despois dunha longa meditación teolóxica sobre as tradicións do Éxodo e do comezo da toma de posesión da terra prometida, o predicador do Dt prosegue co tema central, a Lei.
**4**, 1-4 *Vivades*, isto é: vivades felices. O semita non entende a vida como unha realidade biolóxica, nin sequera como unha realidade intelectual, senón como unha experiencia de felicidade e de gozo satisfeito –o cumprimento da lei mira fundamentalmente a esta vida feliz–. Esta vida clarifícase negativamente opóndoa ao exterminio do medio de Israel, dos que foron detrás de Baal. O "día de hoxe" ten que aludir á felicidade da celebración litúrxica da renovación da Alianza (v. 2; cf **5**, 22).

vades, entredes e tomedes posesión da terra que o Señor, Deus dos vosos pais, vos entrega. [2]Non engadades nada ás palabras dos mandamentos que eu vos ordeno, nin lles quitedes nada, cumprindo as ordes do Señor, o voso Deus, que eu vos impoño. [3]Os vosos ollos viron o que o Señor fixo en Baal Peor: a todo home que se foi tras do Baal de Peor, o Señor, o teu Deus, exterminouno do medio de ti, [4]mentres que todos vós, que vos apegastes ao Señor, o voso Deus, seguides vivos o día de hoxe.

[5]Velaí que, tal e como o Señor, o meu Deus mo mandara facer, vos ensinei mandamentos e preceptos, para que obrásedes conforme eles dentro da terra onde ides entrar para tomardes posesión dela. [6]Observádeos e poñédeos en práctica, pois isto será a vosa pericia e a vosa sabedoría aos ollos dos pobos. Estes, ao escoitaren todos estes mandamentos, dirán: "Esta gran nación é o pobo máis experto e máis sabio", [7]pois, que gran nación ten os seus deuses tan cerca de si como está o Señor, noso Deus, sempre que o invocamos? [8]E que gran nación ten mandamentos e preceptos tan xustos coma esta lei que hoxe eu vos propoño? [9]Mais ti gárdate moito, ten coidado coa túa vida, de non esqueceres cousas que viron os teus ollos e de que non se che aparten do teu corazón todos os días da túa vida. Cóntallelas a teus fillos e a teus netos.

### Condescendencia de Deus na comunicación da súa Alianza e dos seus mandamentos

[10]O día que estiveches no Horeb na presenza do Señor, o teu Deus, o Señor díxome: "Xúntame en asemblea a este pobo, e fai que escoite as miñas palabras, para que aprendan a respectarme todos os días que vivan nesa terra e para que llelas aprendan a seus fillos". [11]Entón vós achegástesvos e quedastes ao pé da montaña, e o monte resplandecía cunha lumarada que chegaba ao mesmo corazón do ceo, con escuridade, con nube e con espesos negróns. [12]Entón o Señor falouvos desde o medio da lumarada. Vós oïades o son das palabras, pero non percibiades ningunha figura, soamente a voz. [13]El manifestouvos a súa alianza coa que vos obrigaba a cumprir os dez mandamentos; si, escribiunos en dúas lousas de pedra. [14]Entón a min mandoume o Señor que vos ensinase os mandamentos e decretos, para que os puxésedes en práctica na terra na que iades entrar para tomardes posesión dela.

[15]Tede moito coidado con vós mesmos, que, o día que o Señor vos falou no Horeb desde o medio da lumarada, non vistes ningunha figura. [16]Non vos pervertades fabricando para vós ningún ídolo da forma de calquera divindade: imaxe masculina ou feminina, [17]imaxe de calquera animal que hai no abismo, imaxe de calquera paxaro alado que voa no ceo, [18]imaxe de calquera réptil do chan, imaxe de calquera peixe que hai nas augas de debaixo da terra. [19]E cando levantes os ollos cara ao ceo e contemples o sol, a lúa e as estrelas, todas as constelacións celestes, non te deixes seducir, adorándoos nin dándolles culto, pois o Señor, o teu Deus, repartiunos entre todos os pobos que hai de debaixo de todo o ceo. [20]Pero a vosoutros o Señor colleuvos e sacouvos do forno do ferro, de Exipto, para constituírvos no que o día de hoxe sodes, o pobo da súa herdanza.

### A Alianza do Deus celoso e as testemuñas da Alianza

[21]O Señor anoxouse contra min pola vosa culpa e xurou que eu non cruzaría o Xordán

**4**, 6-7 A observancia da Lei é a maior sabedoría, xa que a sabedoría bíblica consiste no coñecemento e no hábito práctico de usar os medios que conducen ao home ao éxito. Pois ben, esta sabedoría, don de Deus, supón o achegamento de Deus ao seu pobo, para lla comunicar: o texto subliña este abaixarse de Deus, preocupándose porque o home consiga a súa felicidade. Esta sabedoría comunícase na educación familiar.

**4**, 10-14 Describen a teofanía do Horeb (= Sinaí) subliñando a transcendencia de Deus cos elementos teofánicos: lume, escuridade, nubeiros (v. 11); e, ao mesmo tempo, a condescendencia de Deus, que fai escoitar a súa voz instruíndo á asemblea do pobo, mostrándolle a súa Alianza. A esta temática engade o tema do don da vida feliz.

**4**, 13 *Os dez mandamentos*: lit. "as dez palabras", frases, cláusulas da Alianza, que son manifestación directa de Deus. Distínguense dos "mandamentos e decretos" (v. 14) que Moisés ten de lle ensinar ao pobo.

**4**, 15ss Trátase dunha reflexión teolóxica sobre a prohibición de imaxes de Deus, e conclúe a importancia deste mandamento deducíndoa do modo de revelárselles o Señor no Horeb (en audición, non en visión de imaxes). Atopamos aquí unha actitude polémica contra os becerros de Dan e Samaria, símbolos de Deus, ou polo menos da súa presenza.

**4**, 17 *No abismo*. O vocábulo hebreo "eres" pode ter o sentido de país, terra, e tamén de abismo; aquí, por "merismo", debe significar abismo, que é o oposto ao ceo. É certo que a expresión inclúe a terra, xa que os dous extremos inclúen a totalidade intermedia: no v. 18 segue o mesmo merismo máis explicado: paxaros do ceo, peixes do abismo. Os semitas entenden a terra coma unha grande cortiza que aboia sobre as augas do abismo.

**4**, 20 *Hoxe*: por oposición ao culto dos ídolos, este "ser hoxe pobo da súa herdanza" hai que entendelo no sentido dun tipo de culto de reactualización da Alianza.

nin entraría nesa bendita terra que o Señor,
o teu Deus, che vai dar en herdanza. [22]Si, eu
vou morrer nesta terra, sen poder cruzar o
Xordán, mentres que vosoutros cruzarédelo e
tomaredes posesión desa bendita terra. [23]Ten-
de coidado, non vos esquezades da alianza
do Señor, o voso Deus, a que el pactou con-
vosco, nin fagades ídolos da figura de cal-
quera cousa, porque volo prohibiu o Señor,
o voso Deus; [24]pois o Señor, o voso Deus, é
lume que devora, é un Deus celoso.

[25]Cando teñas fillos e netos e te fagas vello
nesa terra, se te pervertes facendo ídolos da
figura de calquera cousa e facendo o que está
mal aos ollos do Señor, o teu Deus, anoxán-
doo deste xeito, [26]poño hoxe por testemuñas
contra vós o ceo e mais a terra: desapareceré-
des axiña da terra á que ides pasar cruzando
o Xordán para tomardes posesión dela; non
alongaredes os vosos días sobre ela, senón
que desapareceredes completamente. [27]O
Señor esparexeravos por entre as nacións e
soamente uns poucos quedaredes entre os
pobos a onde o Señor vos levará. [28]Aló ado-
raredes deuses, feitos por mans humanas,
pau e pedra que nin ven nin oen, nin comen
nin olen. [29]Pero desde alí buscarás o Señor o
teu Deus e atoparalo, se o buscas con todo o
teu corazón e con toda a túa alma. [30]Cando,
ao cabo de certos días, todas estas maldicións
te cerquen e che veñan enriba, volveraste ao
Señor, o teu Deus, e escoitarás a súa voz,
[31]pois o Señor, o teu Deus, é un Deus compa-
sivo: non te abandonará nin te destruirá nin
esquecerá a Alianza que con xuramentos lles
prometeu a teus pais.

[32]Si, pregúntalles aos tempos antigos, que
houbo antes de ti desde o día en que Deus
creou a humanidade sobre a terra, e desde un
cabo do ceo ata o outro cabo do ceo: Hou-
bo algo tan grande coma isto ou oíuse algo
semellante? [33]Escoitou algún pobo a voz de
Deus falándolle desde o medio do lume, tal
como ti a escoitaches, e seguiches vivindo?
[34]Ou intentou algún deus vir coller para si
unha nación do medio doutros pobos, con
castigos, con sinais e prodixios, con guerra,
con man forte e brazo estendido, con terrores
grandes, de maneira semellante a todo o que
o Señor, o voso Deus, fixo no voso favor en
Exipto aos teus propios ollos?

[35]A ti fíxoche ver todo isto para que sai-
bas que o Señor é o teu Deus, que fóra del
non hai outro. [36]Desde o ceo fíxoche escoi-
tar a súa voz para instruírte, e sobre a terra
fíxoche ver a súa gran luminaria para que
escoitases as palabras que saían do medio do
lume, [37]e seguiches vivo diante del. Amou a
teus pais e escolleu a súa descendencia des-
pois deles, e por isto fíxote saír de Exipto
na súa presenza coa súa gran forza, [38]para
desposuír diante túa a pobos máis grandes e
poderosos ca ti, para facerte entrar e darche
en posesión a súa terra, tal como hoxe suce-
de. [39]Recoñéceo hoxe e dálle voltas no teu
corazón: que o Señor é Deus, arriba no ceo e
abaixo na terra, e que non hai outro. [40]Garda
os seus mandatos e leis que eu mando hoxe:
serache bo para ti e para teus fillos despois
de ti, e alongarás os teus días sobre a terra
que o Señor, o teu Deus, che vai dar para
sempre.

### Apéndice histórico: as cidades de refuxio na Transxordania

[41]Entón separou Moisés tres cidades ao
outro lado do Xordán, ao nacente do sol,
[42]para se refuxiaren alí os homicidas por ma-
taren ao seu próximo sen querer e sen odialo
de véspera nin de antevéspera: refuxiándose
nunha desas cidades, vivirán. [43]Para os rube-
nitas, separou Béser no deserto, na terra chá;
para os Gaditas, Ramot, en Galaad; e para os
menaxitas, Golán, en Baxán.

**4**, 22 *Bendita*: lit. "boa".

**4**, 24 *Deus celoso*: os celos de Deus son expresión do seu amor ao pobo (cf **5**, 9; **6**, 15; **32**, 16. 21; Éx **20**, 5; **34**, 14; Núm **25**, 11; 2 Cro **11**, 2; Ez **8**, 3-5; **39**, 25; Zac **1**, 14); e este Deus celoso é coma o lume que destrúe e destruíndo purifica. O exemplo destes celos destrutivos e purificadores é o castigo de Moisés de non entrar na terra prometida, aínda que por culpa das rebeldías do pobo (v. 21).

**4**, 26 O ceo e a terra son testemuñas no hoxe litúrxico da reactualización da Alianza, así como do exame da mesma no "rib" profético. O don da terra prometida é parte fundamental da Alianza como don de Deus; por iso a infidelidade do pobo leva consigo a privación da terra.

**4**, 29 O castigo de Deus celoso, xa que é castigo de amor, vai levar o pobo á procura do Señor e á conversión para restablecer a Alianza nunha liña de obediencia. *Con toda a túa alma*: a expresión galega equivale á hebrea no sentido, aínda que o hebreo non ten o concepto grecolatino de alma.

**4**, 35 O autor conclúe a unicidade de Deus, partindo duns feitos únicos na historia das relixións. Non pode haber máis ca este Deus, pois este é o que máis condescendente se mostra coas persoas, o que fixo e fai máis por elas.

**4**, 39 O discurso vólvese aquí unha meditación litúrxica ("hoxe") sobre a unicidade de Deus e a súa identificación con Iavé, partindo das tradicións do Éxodo.

44Esta é a Lei que lles propuxo Moisés
aos fillos de Israel. 45Estas son as normas,
preceptos e decretos que lles promulgou
Moisés aos fillos de Israel, cando saíron de
Exipto. 46Foi no outro lado do Xordán, no
val que está fronte a Bet Peor, no país de
Sihón, rei amorreo, quen reinaba en Hex-
bón. A Sihón venceuno Moisés e mais os
fillos de Israel, cando saían de Exipto, 47e
tomaron posesión do seu país e do territorio
de Og, rei de Baxán (os dous reis amorreos
que vivían do outro lado do Xordán): polo
nacente do sol, 48desde Aroer, que está na
ribeira do Arnón, ata o monte Sión, isto é,
o Hermón, 49e mais toda a Arabah do ou-
tro lado do Xordán cara ao nacente, e ata o
mar da Arabah debaixo das ladeiras do río
Pisgah.

# DISCURSO SEGUNDO

## I. REFLEXIÓN TEOLÓXICA

### A revelación do Señor á Asemblea de Israel no Horeb

**5** 1Moisés convocou a todo Israel e díxolle:
—Escoita, Israel, estes mandatos e decre-
tos que eu promulgo aos vosos oídos neste
día para que os aprendades e coidedes de
os pór en práctica. 2O Señor, o noso Deus,
fixo unha alianza connosco no Horeb; 3non
foi cos nosos pais con quen o Señor fixo esta
alianza, senón connosco, estes que hoxe es-
tamos aquí, todos nosoutros, vivos. 4Cara
a cara falou o Señor convosco na montaña
desde o medio do lume. 5Eu estaba entre o
Señor e vós naquel intre, para darvos a coñe-
cer a palabra do Señor, xa que vós lle tiñades
medo á presenza do lume e non quixestes ru-
bir á montaña. Velaquí o que dixo:

6"'Eu son o Señor, o teu Deus, que te fi-
xen saír do país de Exipto, da opresión dos
escravos.

7Non terás outros deuses na miña presenza.

8Non farás para ti imaxe esculpida que re-
presente nada do que hai arriba no ceo, nin
abaixo na terra, nin na auga de debaixo da
terra. 9Non te prostrarás en adoración diante
delas nin te someterás á escravitude no culto
a elas, xa que eu son o Señor, o teu Deus,
Deus celoso: para os que me aborrecen, cas-
tigo o delito dos pais nos descendentes ata
a terceira e cuarta xeración; 10pero practico
misericordia benfeitora por mil xeracións cos
que me aman e gardan os meus mandamen-
tos.

11Non invocarás o nome do Señor, o teu
Deus, en van, pois non deixará o Señor sen
castigo ao que invoque en van o seu nome.

12Reserva o día do sábado para santificalo,
segundo cho mandou o Señor, o teu Deus.
13Traballa e cumpre toda a túa misión duran-
te seis días, 14pero o día sétimo é sábado, o
descanso para o Señor, o teu Deus. Non farás
ningún traballo, nin ti nin o teu fillo nin a túa
filla, nin o teu criado nin a túa criada, nin o
teu boi nin o teu burro, nin ningún dos teus
animais, nin o estranxeiro que está nas túas
cidades; deste xeito, descansarán o teu servo
e mais a túa serva o mesmo ca ti. 15Lembra
que fuches servo no país de Exipto e que te
sacou de alí o Señor, o teu Deus, con man
forte e brazo estendido. Por isto mandouche
o Señor, o teu Deus, que observases o día de
descanso sabático.

**4**, 45 Este v. parece dunha segunda redacción, e ten a finalidade de vincular a lei, os preceptos, normas e decretos coa alianza do Horeb.

**5**, 5 *A presenza do lume*. O lume, no v. 4, é un sinal teofánico da presenza purificadora do Señor; pero aquí é un verdadeiro nome ou título de Iavé.

**5**, 6ss *Opresión dos escravos* (lit. "da casa dos escravos"), pode aludir á situación, ou quizais mellor, a algunha edificación concreta, onde se tiña aos escravos baixo vixilancia. Aínda que a redacción destas palabras ou mandamentos é deuteronomista, a tradición hai que remontala a Moisés e ás tradicións do Éxodo, conservadas na celebración litúrxica da Alianza, nas xuntanzas das tribos.

O v. 6 é o primeiro artigo da fe do credo de Israel; e os vv. 7-10 son as conclusións morais deste artigo de fe: exclusión doutros deuses en comparación co Deus do Éxodo (v. 7), prohibición de imaxes (v. 8)...: cf **4**, 15-18.

**5**, 8 Prohíbense as imaxes da divindade, sexan astrais, telúricas ou abisais. O abismo estaba cheo de auga, e nel vivían Mot, Iam e Lotán (cf mitoloxía ugarítica).

**5**, 9 O culto idolátrico é unha escravización, por ser a submisión a unhas forzas cósmicas, divinizadas pero non persoais. Polo contrario, Iavé é un Deus persoal, que practica libremente a misericordia e a bondade; amalo non é escravizarse (v. 10), senón facerse obxecto da súa misericordia.

**5**, 12 A motivación deste precepto dáse no v. 15: o mesmo que o Señor librou o pobo da escravitude de Exipto, así tamén no ciclo semanal libera o Señor ao pobo da escravitude do traballo, para que viva aquela liberación.

**5**, 15 Traducimos por *descanso sabático* o vocábulo "xabbat", que pode significar "sete" (no sentido de plenitude), "sábado" e "descanso".

16Honra a teu pai e a túa nai, tal e como
cho mandou o Señor, o teu Deus, para que
se alonguen os teus días e atopes a felicidade
na terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar.
17Non mates.
18Non cometas adulterio.
19Non roubes.
20Non deas testemuño falso contra o teu
próximo.
21Non desexes ter a muller do teu próximo;
non cobices a casa do teu próximo, nin a súa
terra, nin o seu servo nin a súa serva, nin o
seu boi nin o seu burro, nin nada do que lle
pertence".
22Estes mandamentos ditoullos o Señor
con forte voz a toda a vosa asemblea na
montaña, desde o medio do lume, da nube e
do escuro nubrado. Non engadiu máis nada,
senón que os escribiu en dúas lousas de xisto
e entregoumos a min.

### A mediación de Moisés na promulgación da Lei

23Pero cando escoitastes esta voz que saía
do medio do nubrado e cando a montaña ar-
día en labarada, achegástesvos xunto a min,
todos vós, xefes de tribos e anciáns,24e dixés-
tesme: "Velaquí que o Señor, o noso Deus,
mostrounos a súa gloria e a súa grandeza: es-
coitámolo falar desde o medio do lume. Hoxe
vimos que Deus lle pode falar ao home e este
pode seguir vivo,25mais agora certo que mo-
rreremos. Seguro que nos devorará esa gran
labarada, se seguimos escoitando de novo a
voz do Señor, o noso Deus. Si, morreremos,
26pois un que sexa todo el carne e que escoite
a voz do Deus vivo falándolle desde o medio
do lume, como poderá seguir vivo? 27Acérca-
te ti e escoita todo o que diga o Señor, o noso
Deus, e logo ti dirasnos todo o que che diga
o Señor, o noso Deus, e nós escoitarémolo e
porémolo en práctica".
28Pero o Señor escoitou as vosas palabras
mentres me falabades e logo díxome o Señor:
"Escoitei as palabras que che falou este pobo.
Está ben todo o que che dixeron. 29Quen me
dera que tivesen un corazón propicio, para
respectarme a min sempre e para gardaren
todos os meus preceptos e para, deste xeito,
seren felices sempre, eles e os seus fillos! 30Vai
e dilles: Volvede ás vosas tendas. 31Pero ti que-
da aquí comigo, que che vou ditar eu mesmo
todos os mandamentos e preceptos e ordes
que lles ensinarás a eles para que os poñan en
práctica no país do que lles vou dar posesión".
32Tede, pois, coidado de poñelos en prác-
tica tal e como volo mandou a vós o Señor, o
noso Deus. Non vos desviedes nin á dereita
nin á esquerda. 33Seguide todo o camiño que
vos mandou o Señor, voso Deus, e deste xei-
to viviredes, seredes felices e alongaredes os
días que recibiredes en herdanza.

### Respectarás e amarás ao Señor, cumprindo os seus mandamentos, preceptos e ordes

**6** 1Estes son os mandamentos, os preceptos
e as ordes que o Señor, o voso Deus,
mandou ensinarvos para que os puxésedes
en práctica no país ao que ides pasar para
collelo en posesión, 2de xeito que respectes

**5**, 21 Os desexos adúlteros teñen motivacións de inxustiza: a muller é propiedade do seu marido, e por isto lle pertence a el coma as outras cousas (casa, animais, servos...). "Non desexes" expresa un desexo posesivo e de goce, mentres que "non cobices" expresa un desexo do ánimo ou espírito do home.

**5**, 22 Preséntase a Deus proclamando El mesmo a lexislación (coma no Código de Hanmurabi). El é o dador e parte principal da Alianza realizada por medio de Moisés. A outra parte é a asemblea do pobo (heb. "qahal", traducido nos LXX máis ben por "synagogué", e tamén por "ekklesía", vocábulo preferido pola comunidade cristiá). Sendo os mandamentos cousa de Deus, non se pode engadir nin quitar nada (cf Dt **4**, 2; Ap **22**, 18-19).

**5**, 24ss O principio tradicional de que ninguén pode ver a Deus e seguir vivo, ten a súa excepción na experiencia do Horeb, onde Deus fai ver a súa gloria (=presenza) e a súa grandeza. Pero o pobo sente esta experiencia como algo moi arriscado, como un perigo: o home -todo el debilidade (carne) e finitude- non pode escoitar a plenitude da Vida e da Perfección. Prefire a mediación de Moisés, que é profeta desde a súa vocación (cf Éx **3**, 1-**4**, 9).

**5**, 31 O texto distingue dunha parte as dez palabras ou dez mandamentos comunicados a toda a asemblea de Israel (vv. 5ss), e por outra, a totalidade dos mandamentos, os preceptos e as ordes, que por petición expresa recibe Moisés de Iavé para comunicalos ao pobo. O texto quere indicar a unidade de orixe, aínda que recibidos de xeito diferente.

**5**, 32 *...á dereita ...á esquerda...*: é un merismo. Os dous extremos indican a totalidade, non se teñen que desviar de ningún xeito, senón que deben seguir o camiño, a moral que Deus lles ordena por medio de Moisés, para recibir as bendicións do Señor: vida feliz e longa na terra da súa herdanza.

**6**, 1 A práctica dos mandamentos, preceptos e ordes, está ligada á posesión do país, pois este é o compromiso fundamental que Deus contraeu na Alianza.

**6**, 2s "O respecto ao Señor" (lit. "o temor ao Señor") é a resposta relixiosa á súa revelación. Por isto ten que expresarse no cumprimento dos seus mandamentos e nunha pedagoxía familiar dos mesmos. Os froitos desta obediencia son a lonxevidade, a felicidade, e o aumentar o pobo en número.

*Terra que deita leite e mel* ten un dobre sentido: terra que é un don e unha bendición de Deus, e terra que recibe de Deus moita choiva: xa que nun poema de Ugarit se fala dos "ceos que farán chover leite e dos regatos nos que correrá o mel", para indicar que a terra recibirá abondosa bendición de Baal.

ao Señor, o teu Deus, gardando todos os seus preceptos e os seus mandamentos que eu che ordenei, ti e ao teu fillo e mais ao teu neto, todos os días da túa vida, para que se alonguen os teus días. [3]Escoita, Israel, e ten coidado de practicalo para que sexas feliz e que te multipliques moito, pois tal e como che falou o Señor, Deus dos teus pais, é unha terra que deita leite e mel.

[4]Escoita, Israel: O Señor, o noso Deus, é Iavé, o único. [5]Amarás ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con todas as túas aspiracións e con toda a túa forza. [6]Os preceptos estes que eu che mando hoxe estarán no teu corazón; [7]inculcarásllelos aos teus fillos e falarás deles estando na túa casa e indo polo camiño, estando deitado e estando de pé: [8]ataralos á túa man como sinal e servirán de adorno entre os teus ollos, [9]escribiralos nos marcos da túa casa e nas túas portas.

[10]Cando o Señor, o teu Deus, te faga entrar no país que xurara a teus pais, a Abraham, a Isaac e a Xacob que cho daría a ti, con cidades grandes e fermosas que ti non construíches, [11]con casas cheas de toda clase de riquezas que ti non acumulaches, con pozos escavados que ti non cavaches, con viñas e campos de oliveiras que ti non plantaches, cando ti comas e te fartes, [12]ten moito coidado de non te esqueceres do Señor que te sacou do país de Exipto, da situación de escravitude.

[13]O Señor, o teu Deus, has de respectar, a El has de adorar e has facer o xuramento invocando o seu nome. [14]Non vos vaiades tras doutros deuses, deuses dos pobos que vos rodean, [15]porque no medio de ti está un Deus celoso, o Señor, o teu Deus: non sexa que se desafogue contra ti a ira do Señor, o teu Deus, e te faga desaparecer de sobre a superficie da terra. [16]Non tentedes ao Señor, voso Deus, tal e como o tentastes no lugar de tentación.

[17]Gardade fielmente os mandamentos do Señor, voso Deus, as súas normas e os seus preceptos, os que El vos deu. [18]Fai o que é correcto e honrado aos ollos do Señor. Así atoparás a felicidade e chegarás a coller posesión do bo país, que o Señor lles prometeu con xuramento a teus pais, [19]botando da túa presenza a todos os teus inimigos, tal e como o dixo o Señor.

### Catequese familiar: teoloxía dos mandamentos deducida da Pascua e da Alianza

[20]Velaí que mañá o teu fillo che preguntará deste xeito: "Que son estas normas, estes preceptos e estes decretos que o Señor, o noso Deus, vos mandou?". [21]Ti responderaslle ao teu fillo: "Eramos escravos do faraón en Exipto, pero o Señor sacounos de Exipto con man forte. [22]O Señor puxo diante dos nosos ollos en Exipto grandes e terribles sinais e prodixios contra o faraón e contra toda a súa corte. [23]Pero a nosoutros sacounos de alí co fin de nos ir guiando, ata darnos a terra que lles prometera baixo xuramento a nosos pais. [24]Entón o Señor mandounos pór en práctica todos estes preceptos, respectando así ao Señor, o noso Deus, para sermos sem-

**6**, 4 *O único* (heb. "ehad") é un título de Iavé.

**6**, 5 Á parte do respecto relixioso ao Deus da Alianza, a resposta á súa condescendencia salvífica é o amor (cf **5**, 10; **7**, 9...). Este amor ao Señor encherá todo o seu ser: a intencionalidade do home ("o corazón"), os seus alentos e anhelos ("néfex") e as súas enerxías. A mesma fórmula cos tres elementos, aparece en 2 Re **23**, 25; e no evanxeo de Mc (**12**, 30) engádese un cuarto termo, a intelixencia ("con toda a túa mente"). A formulación depende fundamentalmente de Os **3**, 1 (cf **2**, 19-20; **4**, 1; **6**, 6), e por el pasan as tradicións do N ao S (Xer, Ez...).
Os complementos "con todo o corazón, con todas as túas aspiracións e con todas as forzas", modifican as frases "buscar a Deus" (**4**, 29), servilo (**10**, 12), cumprir os mandamentos (**26**, 16), facerlle caso ao Señor (**30**, 2), converterse a El (**30**, 2-10). Así, estas formulacións veñen resultar descricións ou concrecións do amor a Deus. A importancia deste texto para a piedade xudía, percíbese no feito de que constitúe a primeira parte da oración diaria –o "xemá"– dos xudeus, xunto con Dt **11**, 13. 21 e Núm **15**, 37-41.

**6**, 7 O Dt ten fortes preocupacións pola catequese familiar, que non se ten de cinguir a determinados momentos cúlticos (**6**, 20), senón que ten que afectar a todos os momentos da vida: os merismos "estar na casa - estar de camiño; estar deitado - estar de pé", queren expresar esta constancia da catequese.

**6**, 8s Aluden aos costumes semíticos de pulseiras, casquetes, filacterios, tatuaxes... (cf Lev **19**, 28; Ct **8**, 6; Is **44**, 5; Ez **9**, 4), escritos con textos sagrados, inscricións nos marcos das portas..., dos que temos testemuños nas cartas de El-Amarna, nos documentos de Qumrân, no N. T., no xudaísmo medieval e entre os árabes. Con isto, quere o autor expresar que a lei suprema do amor total a Deus ten que levarse a todos os aspectos e momentos da vida familiar, civil e social.

**6**, 10-19 O lembrarse (lembranza litúrxica) do Señor, que deu os bens da terra, e o ser fiel aos seus mandamentos, constitúe a auténtica actitude litúrxica da festa das Cabanas, no ano xubilar da renovación da Alianza.

**6**, 16 "Tentar ao Señor", significa desconfiar de El e da súa palabra (cf Núm **20**, 2-13).

**6**, 20-25 Xa no v. 7 aparece a obriga da catequese familiar, imposta por Moisés. Aquí se desenvolve a propósito dos mandamentos e preceptos, buscando o seu fundamento na profesión de fe na Pascua salvífica, e presentando os preceptos como medio de conseguir a felicidade da salvación.

pre felices e para podermos vivir coma hoxe.
[25]A nosa xustiza consistirá en que coidemos de pór en obra todos estes mandamentos ante a presenza do Señor, o noso Deus, tal e como El nolo mandou".

### O exterminio sacro

**7** [1]Cando o Señor, o teu Deus, te introduza no país no que vas entrar para o tomares en posesión e cando expulse da túa presenza pobos numerosos –os hititas, os guirgaxitas, os amorreos, os cananeos, os pericitas, os hivitas e os iebuseos, sete pobos máis numerosos e poderosos ca ti– [2]e o Señor, o teu Deus, chos poña diante de ti para que os castigues, ti entrégaos totalmente ao exterminio sagrado. Non fagas con eles alianzas nin teñas compaixón deles. [3]Non emparentes con eles, non lles deas a túa filla para un fillo deles nin collas a filla deles para un fillo teu,[4]pois ela apartaría os teus fillos do meu seguimento para daren culto a deuses alleos e acenderíase a ira do Señor contra vós e destruiríavos inmediatamente. [5]Velaí, pois, o que lles faredes a eles: destruiredes os seus altares, romperedes as súas estelas de culto, esnaquizaredes as súas imaxes simbólicas de Axerah e queimaredes no lume as súas imaxes idolátricas. [6]Porque ti es un pobo consagrado ao Señor, o teu Deus. O Señor, o teu Deus, escolleute para seres o pobo da súa persoal propiedade entre todos os pobos que viven sobre a superficie da terra. [7]Non foi por serdes vós máis numerosos ca todos os pobos polo que o Señor se namorou de vós e vos escolleu, pois sodes o máis pequeno de todos os pobos,[8]senón que foi polo amor do Señor para vós e por manter El o xuramento que lles fixera aos vosos pais polo que o Señor vos sacou con man forte e vos rescatou da situación de escravitude, do poder do faraón, rei de Exipto.

[9]Has de saber que o Señor, o teu Deus, é Deus, Deus fiel, que mantén a súa alianza e a súa misericordia por mil xeracións cos que o aman e cumpren os seus mandamentos, [10]e que llelas devolve na cara aos que o aborrecen, facéndoos desaparecer; non vacila ante o que o aborrece, senón que llas paga en persoa.

[11]Garda os mandamentos, os preceptos e os decretos que eu che mando hoxe pór en práctica. [12]Se facedes caso destes decretos, os gardades e os poñedes en práctica, o Señor, voso Deus, manterá contigo a Alianza e a misericordia que lles xurou aos teus pais. [13]El quererate, bendicirate e multiplicarate e tamén bendicirá o froito do teu ventre e o froito da túa terra, o teu trigo, o teu mosto e o teu aceite, as crías das túas vacas e as camadas do teu rabaño sobre a terra, da que lles xurou a teus pais que cha daría. [14]Ti serás máis bendito ca todos os pobos, non haberá en ti macho nin femia estéril, nin no teu rabaño. [15]O Señor retirará de ti toda enfermidade e toda peste maligna –como as de Exipto, que ti ben coñeces–, non cha apegará a ti, senón que llela dará a todos os que te odian.

[16]Devora a todos os pobos que o Señor, o teu Deus, che vai entregar: que o teu ollo non se entenreza por eles. Non adores os seus deuses, pois son para ti lazo de caza. [17]Mira que has de dicir para os teus adentros: "Estes pobos son máis numerosos ca min, como serei capaz de apoderarme deles?". [18]Pero non lles teñas medo. Lémbrate ben do que lles fixo o Señor, o teu Deus, ao faraón e a

**6**, 25 *A nosa xustiza* é aquí un concepto complexo, que inclúe por unha parte a adecuación á vontade de Deus, e por outra, a felicidade do pobo e do individuo.
**7**, 1-26 Todo este capítulo é paralelo de **2**, 16-**3**, 12 coa diferenza de que nos cc. **2-3** se considera a conquista da Transxordania como guerra santa, mentres que aquí a temática é o "hérem" ou consagración ao *exterminio sacro*, que aparece nos vv. 2 e 26. Outra diferenza é que nos cc. **2-3** se trata de narracións histórico-teolóxicas dentro dun discurso, mentres que no c. **7** se trata de ordes ou preceptos que Moisés lle dá ao pobo, aínda que nestes preceptos hai unha intencionalidade de teoloxía da historia: Israel é o pobo consagrado ao Señor (=Santo), a súa propiedade persoal; el ámaos e bendíceos, actúa en favor deles, entrégalles os inimigos no seu poder con prodixios coma os do Éxodo.
**7**, 1 A enumeración de sete inimigos quere indicar a totalidade, a plenitude.
**7**, 5 O termo hebreo "axerot" indica que deben ser árbores verdes ou secas, nas que estaban esculpidos os atributos da deusa da fecundidade *Axerah*.
**7**, 6b-15 Estes vv. son un desenvolvemento da motivación do exterminio sagrado: a elección de Deus para ser a súa propiedade persoal, o amor de Deus a este pequeno pobo e a súa fidelidade ás promesas feitas aos patriarcas; pero todos estes privilexios están condicionados ao amor a Deus e ao cumprimento dos seus mandamentos. A fidelidade aos mandamentos é condición para outras bendicións maiores, e a infidelidade aos mesmos é causa de castigos.
**7**, 18s O Dt acode á teoloxía da Pascua para animar a fe e confianza no poder do Señor, para a difícil tarefa que ten diante: o exterminio da poboación e a queima das súas imaxes sen aproveitar o ouro e a prata que as recobren.

todo o Exipto, [19]das grandes probas que viron os teus ollos, dos sinais e prodixios, da man poderosa e do brazo estendido que sacou no teu favor o Señor, o teu Deus. Así actuará o Señor, o teu Deus, contra todos os pobos, en presenza dos que ti sentes medo. [20]Tamén lles mandará o Señor, o teu Deus, avésporas ata que desaparezan os que queden e mais os que se escondan da túa presenza. [21]Non te aterrorices da presenza deles, pois o Señor, o teu Deus, está no medio de ti, Deus grande e temible. [22]O Señor, o teu Deus, botará fóra da túa presenza, pouco a pouco, estes pobos; non verá conveniente facelos desaparecer rapidamente, non sexa que as feras salvaxes se multipliquen con perigo para ti. [23]Senón que o Señor, o teu Deus, hachos pór diante e estarreceraos con gran pánico, ata que se aniquilen. [24]Entregará os seus reis no teu poder para que fagas desaparecer o nome deles de debaixo do ceo; non haberá quen se resista na túa presenza ata que os aniquilen a todos eles.

[25]Habedes queimar no lume as imaxes dos seus deuses. Non podes cobizar a prata e o ouro que as recobre nin os collas para ti: non caerás na súa trampa. Olla que son abominación para o Señor, o teu Deus; [26]non meterás a abominación na túa casa, pois ti serás consagrado ao exterminio o mesmo ca o ouro e a prata. Ti rexeitaralos totalmente e aborreceralos profundamente, pois son cousa consagrada ao exterminio.

### Clarificación da teoloxía dos mandamentos coas tradicións do deserto

**8** [1]Todo mandamento que eu che mande hoxe terás coidado de o cumprires, para que vivades felices, vos multipliquedes e entredes a tomar en posesión a terra que o Señor prometeu con xuramento a vosos pais. [2]Has de te lembrar do camiño polo que o Señor, o teu Deus, te fixo camiñar polo deserto durante estes corenta anos para aflixirte e pórte a proba e saber o que hai nas túas intencións: se ti querías gardar os seus mandamentos ou non. [3]El aflixiute facéndoche pasar fame e logo deuche de comer o maná, que nin coñecías ti nin coñecían teus pais, co fin de che dar a coñecer que non soamente do pan vive feliz o home, senón que o home vive feliz con todo o que sae da boca do Señor. [4]O teu mantón non se gastou sobre ti nin os teus pés che incharon durante estes corenta anos, [5]co fin de que ti recoñezas, meditándoo para os teus adentros, que o mesmo que calquera castiga ao seu fillo, así o Señor, o teu Deus, te está castigando. [6]Has de gardar os mandamentos do Señor, o teu Deus, para seguires a súa moral e para lle mostrares o teu respecto.

[7]Olla que o Señor, o teu Deus, te vai levar a un país bo, terra de regueiros de auga, de fontes e lagos que saen das veigas e das montañas; [8]terra de trigo e de cebada, de viñas, de figueiras e de milgrandas, terra de aceite e de mel; [9]terra onde non has comer o pan con mesquindade, onde nada che faltará; terra que ten as pedras de ferro e con montañas nas que picarás cobre. [10]Entón ti comerás ata fartarte e bendicirás ao Señor, o teu Deus, polo bo país que che deu.

[11]Gárdate ben de esquecer ao Señor, o teu Deus, non gardando os mandamentos e os decretos e preceptos que eu che estou mandando hoxe. [12]Non sexa que cando comas e te fartes e constrúas boas casas [13]e cando se multiplique o teu gando e os teus rabaños, o ouro e a prata se che multiplique e todo o teu se che multiplique, e [14]se che ensoberbie o teu corazón e te esquezas do Señor, o teu Deus, que foi quen te sacou do país de Exipto, da casa da escravitude; [15]foi quen te fixo camiñar polo deserto grande e terrible, por

**7**, 22 Este v. presenta unha corrección histórica á concepción teolóxica. De feito a poboación cananea non foi exterminada dun golpe, senón que durou séculos: David conquista o último resto destes pobos: os iebuseos e a cidade de Xerusalén (1 Sam **5**, 6ss) e o autor do Dt presenta unha xustificación teolóxica: a providencia amorosa e benfeitora de Deus, para que o país non se encha de feras salvaxes (cf Éx **23**, 39).

**8**, 1-6 As tradicións do deserto non as ve o autor coma unha época ideal (Os **2**, 16ss), senón coma unha etapa de formación ou educación do pobo cara ao recoñecemento da importancia da lei para a felicidade do pobo: o deserto é momento de proba e matización das intencións do pobo. Os prodixios do maná (Éx **16**) e a protección especial durante o camiñar polo deserto son probas de que a felicidade vén da fidelidade ao Señor e aos seus mandamentos. Esta visión do deserto como época de proba e de interiorización, ten influxos en Mt **4**, 1-12, quen cita o v. 3c.

**8**, 5 *Para os teus adentros* (lit. "no teu corazón"). O corazón é, para a antropoloxía semítica a sé dos proxectos, intencións, matinacións. *Te está castigando*: non ten moito sentido referir a frase ao v. 2 xa distante, e si ten sentido referila aos castigos e sufrimentos da data de composición.

**8**, 7ss Estes vv. salientan as vantaxes da terra prometida, que deben mover o crente á loanza de Deus. Nos vv. 11-29 sinálase o perigo que deben evitar: esquecer o Señor e os seus mandamentos, ao considerar as bendicións divinas como froito da propia pericia.

culpa das serpes de mordedura abrasadora, dos escorpións e da sequidade (pois non había auga); foi El quen fixo saír para ti auga da pedra de granito; [16]foi El quen che deu a comer no deserto o maná, que teus pais non coñecían, co fin de te aflixir e pórte a proba para logo facerche ben no teu futuro. [17]Non sexa que vaias dicir para os teus adentros: "Foi a miña forza e o poder dos meus puños o que me produciu esta prosperidade". [18]Lémbrate máis ben do Señor, o teu Deus, que El é quen che dá a forza para producires a prosperidade, se mantés en pé a súa alianza, a que lles prometeu con xuramento a teus pais, o mesmo que fai hoxe.

[19]Pero se ti te esqueces do Señor, o teu Deus, e vas tras os deuses alleos, lles dás culto e te prostras diante deles, eu póñovos como testemuñas hoxe de que pereceredes sen remedio. [20]O mesmo ca os pobos que o Señor fixo perecer na vosa presenza, así pereceredes, se non lle facedes caso á voz do Señor, voso Deus.

### A conquista, obra do Señor

**9** [1]Escoita, Israel! Ti vas cruzar hoxe o Xordán para tomares posesión de pobos máis grandes e máis poderosos ca ti, de cidades máis grandes e fortificadas ca o ceo; [2]un pobo grande e de grande estatura son os fillos dos anaquitas, aos que ti non coñecías, aínda que ti mesmo oíches: "Quen poderá resistir ante os fillos de Anac?". [3]Pero hoxe vas recoñecer que o Señor, o teu Deus, é quen pasa diante de ti como lume devorador, El é quen os vai destruír, El é quen os vai someter na túa presenza, mentres ti vas tomar posesión deles e os vas facer desaparecer nun instante, tal e como cho dixo o Señor.

[4]Cando o Señor, o teu Deus, os bote da túa presenza, non digas para os teus adentros: "Por mor da miña xustiza foi polo que o Señor me fixo entrar a tomar posesión deste país", pois é pola iniquidade destes pobos polo que o Señor os desposúe do país que está na túa presenza. [5]Non é pola túa xustiza nin pola rectitude das túas intencións polo que ti vas entrar a tomar posesión do seu país. Certo que é pola iniquidade destes pobos polo que o Señor, o teu Deus, os vai despoxar do país que está na túa presenza, para así manter a promesa que o Señor lles fixo con xuramento a Abraham, a Isaac e a Xacob. [6]Recoñece que non é pola túa xustiza polo que o Señor, o teu Deus, che entrega este bo país para o tomares en posesión, pois ti es un pobo de cabeza dura.

### Un pobo teimudo

*a. O becerro de metal fundido*

[7]Recorda, non te esquezas de que anoxaches ao Señor, o teu Deus, no deserto; desde o día en que saíches do país de Exipto ata a vosa chegada a este lugar, estivestes rebelándovos contra o Señor. [8]No Horeb enfadastes ao Señor e o Señor anoxouse contra vós ata querer destruírvos. [9]Cando eu subín á montaña para recoller as lousas de pedra, as táboas da Alianza, que o Señor pactara convosco, quedei na montaña corenta días e corenta noites, sen comer pan e sen beber auga. [10]Entón o Señor entregoume as dúas lousas de pedra, escritas co dedo índice de Deus, e sobre elas había certamente todos os mandamentos que o Señor vos dera na montaña, desde o medio do lume, o día da asemblea. [11]Foi ao cabo de corenta días e de corenta noites cando o Señor me entregou as dúas lousas de pedra, as táboas da Alianza.

**8**, 19-20 A ameaza de perecer sen remedio cadra ben cunha data anterior ao 722, como se ve polas semellanzas coa palabra profética de Oseas (**8**, 1ss) e Amós (**2**, 6ss; **6**, 8ss; **9**, 7s).

**9**, 1-3 Estes vv. tratan de descubrir a intervención de Deus na obra da conquista: subliñando por unha parte o poder da poboación cananea, e por outra a realidade da "guerra santa", onde Deus vai diante dos soldados na Arca da Alianza, á que non se alude.

**9**, 4ss Trátase de eliminar as tentacións de superioridade espiritual e moral como razóns da toma de posesión da terra. As verdadeiras razóns son o castigo da iniquidade destes pobos e a promesa feita por Deus aos patriarcas, mentres que o pobo de Israel é un pobo obstinado na desobediencia ('de cabeza dura'): a cabeza é quen dirixe, o mesmo ca o rei, a capital do Estado (Is **7**, 8-9...) e a dureza significa a pouca capacidade de adaptarse aos mandamentos e leis do Señor. San Paulo vai recoller este tema da supresión dos méritos do pobo para desenvolvelo de forma universal na carta aos Rm **3**, 9-20; **5**, 12-21. Ver tamén 1 Xn **1**, 8-10.

**9**, 7-29 Toda esta sección vén ser unha proba da afirmación do v. 6c, recorrendo coma sempre ás tradicións do deserto (Éx **32**, da trad. iavista e elohista). O becerro non é un ídolo, un símbolo de Baal ou doutro Deus pagán, senón un símbolo de Iavé (cf Éx **32**, 4. 5. 8); pero Iavé non ten imaxes, non mostrou a súa cara, senón soamente a súa voz (**4**, 15ss).

A única imaxe de si que Deus permite son as táboas da Alianza, a súa Palabra: os dez mandamentos e a palabra profética. A obstinación no mal, a cabeza dura, consiste en quererlle dar a Deus o culto que ao pobo lle gusta e lle parece mellor, e non o culto que Deus quere.

**9**, 9 Os corenta días e corenta noites son comer pan e sen beber auga (cf vv. 11. 18) aparecen en Mt **4**, 2, o que nos clarifica a corentena de Xesús nun sentido intercesional e de busca da Nova Alianza, cal Novo Moisés.

[12]Entón díxome o Señor: "Levántate e baixa rápido de aquí, que se corrompeu o teu pobo, o que ti sacaches de Exipto. Ben axiña se apartaron do camiño que eu lles mandei. Fixeron para eles un ídolo de fundición". [13]Logo díxome o Señor: "Estou ollando para este pobo e velaí que é un pobo de dura cerviz. [14]Déixame, vounos destruír e borrar o seu nome de debaixo do ceo, mentres que a ti te vou converter nun pobo máis poderoso e máis numeroso ca eles". [15]Entón dei a volta e baixei da montaña coas dúas táboas da Alianza nas miñas mans, mentres a montaña estaba ardendo en labarada. [16]Ollei e velaí que pecarades contra o Señor, voso Deus. Fixerades un becerro de metal fundido. Ben axiña vos apartarades do camiño que vos tiña mandado o Señor. [17]Entón collín as dúas lousas, tireinas das miñas mans e esnaquiceinas diante dos vosos ollos. [18]Logo prostreime no chan diante do Señor, tal e como o fixera a primeira vez, durante corenta días e corenta noites, sen comer pan nin beber auga, por culpa de todos os pecados que acababades de cometer, facendo o que está mal aos ollos do Señor, ata ofendelo. [19]Certo que lle tiña medo á ira e á carraxe con que estaba anoxado o Señor contra vós, a tal punto que vos quería destruír; pero o Señor tamén esta vez me escoitou. [20]Tamén estaba o Señor tan alporizado contra Aharón que o quería matar, mais eu tamén recei por Aharón daquela. [21]Logo collín o pecado que fixerades, o becerro, queimeino no lume e esnaquiceino, triturándoo ben ata que quedou moído coma o po e botei o seu po ao regueiro que baixa da montaña.

*b. Outros pecados no deserto*

[22]Logo seguistes anoxando ao Señor en Taberah, en Masah e en Quibrot-Hatavah. [23]E cando o Señor vos mandou saír de Cadex Barnea dicíndovos: "Subide e tomade posesión da terra que eu vos entreguei", vós rebelástesvos contra a orde da boca do Señor, voso Deus; non vos fiastes del nin lle fixestes caso á súa voz. [24]Desde o día en que vos coñecín, vindes sendo rebeldes co Señor. [25]Entón prostreime no chan diante do Señor corenta días e corenta noites, igual que me prostrara antes, pois o Señor falara de vos destruír, [26]e receille ao Señor dicindo: "Meu Señor, Deus, non destrúas o teu pobo e a túa herdanza, a que ti redimiches coa túa grandeza, a que ti fixeches saír de Exipto coa túa forte man. [27]Lémbrate dos teus servos: de Abraham, de Isaac e de Xacob; non olles para a obstinación deste pobo nin para a súa ruindade nin para o seu pecado, [28]senón hase dicir: "O Señor non foi capaz de traelos á terra de onde os sacara e que lles prometera, senón que polo odio que lles ten, fíxoos saír para os facer morrer no deserto". [29]Pero eles son o teu pobo e a túa herdanza que fixeches saír co teu gran poder e co teu brazo estendido".

### A Arca da Alianza, os levitas e a morte de Aharón

**10** [1]Naquela ocasión díxome o Señor: "Corta dúas lousas de pedra coma as primeiras e sube onda min á montaña, e fai tamén unha arca de madeira: [2]Eu vou escribir sobre as lousas os mandamentos que había sobre as lousas primeiras que ti rompiches e logo halas pór na arca".

[3]Entón eu fixen unha arca de madeira de acacia, cortei dúas lousas de pedra coma as primeiras e subín á montaña coas dúas lousas na miña man. [4]El escribiu nas lousas, coa mesma escritura da primeira vez, os dez mandamentos que vos dera o Señor na montaña desde o medio do lume o día da asemblea e entregoume as lousas a min. [5]Logo dei volta e baixei da montaña; puxen as lousas na

**9**, 20 A función de intercesión e oración é propia da misión do profeta.

**9**, 22 As queixas do pobo, provocan o castigo de Deus en Taberah (cf Núm **11**, 1-3: saga etiolóxica) e en Quibrot-Hatavah (Núm **11**, 34-35), e tamén a axuda divina, proporcionándolles auga en Massah e Meribah (Éx **17**, 1-7; Núm **20**, 1-10), e os paspallás en Quibrot-Hatavah (Núm **11**, 34-36).

**9**, 23 Sobre a saída de Cadex-Barnea, cf Dt **1**, 25-40.

**9**, 24 Este versículo, que rompe o fío narrativo, parece ser unha glosa posterior.

**10**, 1-9 Esta sección está composta de tres parágrafos: 1) vv.1-5: A Arca da Alianza feita por Moisés segundo a orde do Señor para conter as lousas escritas de segunda vez polo Señor na montaña; 2) vv. 6-7 é no medio un elemento estraño (historicamente posterior ao Horeb), que relata a morte de Aharón e a sucesión do seu fillo Elazar (anacronismo que ten a función teolóxica de presentar os levitas como alleos ao pecado de Aharón no Horeb: cf Núm **33**, 31-38); 3) vv. 8-9, os levitas escollidos polo Señor para levar a arca, para o culto e para a bendición no nome do Señor (cf tamén Éx **32**, 25-29).

A finalidade desta sección é a de expresar plasticamente a eficacia da intercesión de Moisés e o perdón do Señor. Todo queda substituído e hai xente nova e fiel á fronte do culto. Esta finalidade obsérvase nos vv. 10 e 11, que serven como de remate á sección: descríbese a segunda estancia de Moisés na cima do Horeb coas mesmas circunstancias de corenta días e corenta noites ca a primeira vez, e segue a orde do Señor de camiñar cara ao cumprimento da promesa.

arca que fixera e quedaron alí, tal e como o Señor mo mandara.
[6]Os israelitas marcharon dos pozos de Bene-Iacán ata Moserah. Alí morreu Aharón e alí foi enterrado e o seu fillo Elazar sucedeuno no cargo de sacerdote. [7]Desde alí marcharon ata Gudgódah e de Gudgódah ata Iotbátah, terra de regueiros de auga.
[8]Naquela ocasión escolleu o Señor a tribo de Leví para que levase a Arca da Alianza do Señor, para que se mantivese na presenza do Señor dándolle culto e bendicindo no seu nome, tal e como fai aínda hoxe. [9]Por isto, Leví non ten herdanza nin parte coma os seus irmáns. A súa herdanza é o Señor, tal e como llo dixo o Señor, o teu Deus.
[10]Entón eu quedei na montaña, o mesmo que a primeira vez, durante corenta días e corenta noites, e tamén esta vez me fixo caso o Señor. O Señor non quixo destruírte, [11]senón que me dixo: "Levántate e vai diante do pobo darlle o sinal de saída para que entren a tomar posesión do país que xurei darlles a vosos pais".

**Síntese final**

*a. Esixencias da Alianza*

[12]E agora Israel, que é o que o Señor, o teu Deus, che pide? Tan só que respectes ao Señor, o teu Deus, que camiñes por todos os seus vieiros, que o ames e que sirvas ao Señor, o teu Deus, con todas as túas intencións e con todos os teus folgos, [13]que gardes os mandamentos do Señor e os seus preceptos que eu che mando para o teu ben. [14]Si, do Señor, o teu Deus, son os ceos e o máis esplendoroso dos ceos, a terra e todo o que hai nela; [15]pero soamente de teus pais se namorou o Señor e escolleuvos a vós, a súa descendencia, de entre todos os pobos, tal e como se ve hoxe.
[16]Circuncidade os prepucios dos vosos corazóns e non volvades endurecer a vosa cabeza, [17]pois o Señor, o teu Deus, é Deus dos deuses, Señor dos señores, o Deus grande, poderoso e temible; é imparcial e non acepta o suborno; [18]El é quen lles fai xustiza ao orfo e á viúva e quen ama o emigrante dándolle pan e vestido.
[19]Amaredes o emigrante, xa que fostes emigrantes no país de Exipto. [20]Ao Señor o teu Deus, respectarás, a El servirás e a El has de te apegar e prestar xuramento no seu nome. [21]El será a túa loanza, El será o teu Deus, que fixo por ti esas grandes e terribles cousas que viron os teus ollos. [22]Setenta persoas eran os teus devanceiros cando baixaron a Exipto, pero agora o Señor, o teu Deus, volveute tan numeroso coma as estrelas do ceo.

**11** [1]Amarás o Señor, o teu Deus, e gardarás o que El mande: os seus preceptos, os seus decretos e os seus mandamentos todos os días.

*b. Recoñecemento das obras do Señor na historia*

[2]Recoñecédeo hoxe. Certo que non se trata dos vosos fillos, que nin coñeceron nin viron o castigo do Señor, voso Deus, nin a súa grandeza, nin a súa man poderosa, nin o seu brazo estendido, [3]nin os seus prodixios, nin as súas obras, as que El fixo no medio de Exipto contra o faraón, rei de Exipto, e contra todo o seu país; [4]as que fixo contra o exército de Exipto, contra os seus cabalos e contra os seus carros, de xeito que fixo fluír as augas do mar Vermello sobre a súa furia cando vos perseguían e destruíunos o Señor ata o día de hoxe; [5]as que fixo contra vós no deserto ata que chegastes a este lugar,[6]e as que fixo contra Datán e Abiram, os fillos de Eliab, fillo de Rubén, cando o abismo abriu a súa boca e os tragou no medio de todo Israel: a eles, as súas familias, as súas tendas e a todos os seres vivos que estaban á súa disposición. [7]Certo que se trata dos vosos ollos, que viron a obra que o Gran Señor fixo.
[8]Gardaredes todos os mandamentos que eu vos mando hoxe co fin de terdes forza para entrar e ocupar o país ao que ides pasar e tomar en posesión [9]e co fin de que se vos alonguen os días sobre a terra que o Señor prometeu con xuramento dar a vosos pais e mais á súa descendencia, terra que rega leite e mel.

**10**, 8 *A Arca da Alianza* (cf **31**, 9. 25-26; Xos **3**, 8. 14. 17...). Considérase aquí como un sinxelo instrumento para conter as táboas da Lei, e sorprende que dándolle tanta importancia o Dt á guerra santa (**2**, 6-**3**, 12; **7**) e sendo a Arca o sinal da presenza do Señor nestas guerras, non considere a Arca como lugar da presenza do Señor. A razón disto é que, a partir de David, a Arca perdeu importancia cúltica para as tribos do N, e o noso autor (ou autores) pertence aos levitas do reino do Norte. Para o Dt o Señor reside no ceo e comunícase coa súa palabra.

**10**, 12-**11**, 32 Cos dous versículos finais, vincúlase esta sección co "Código Deuteronómico".

**10**, 16 A circuncisión é a extirpación do prepucio para significar a pertenza ao pobo de Deus, pero a Alianza esixe sobre todo a extirpación de todos aqueles proxectos e intencións (corazón) que afastan do Deus da Alianza, e a desaparición da obstinación na desobediencia a Deus (cf nota a **9**,4ss).

**11**, 3 Cf Éx **7-15**.

**11**, 6 Cf Núm **16**.

*c. O bo país que Deus vos dá*

10Certo que o país no que ti vas entrar para
o tomares en posesión non é coma o país de
Exipto, de onde saístes e onde botabas a túa
sementeira e regabas co pé coma nun horto
de verduras. 11Si, o país a onde vas cruzar
para o tomares en posesión é un país de mon-
tañas e de vales; bebe a auga da chuvia do
ceo; 12é un país do que o Señor, o teu Deus,
se coidará e os ollos do Señor, o teu Deus,
estarán continuamente postos nel desde o co-
mezo ata a fin do ano. 13Se lles facedes de
verdade caso aos meus mandamentos, os que
eu vos mando hoxe, amando ao Señor, voso
Deus, e servíndoo con toda a vosa intención
e con todo o voso ser, 14mandarei ao seu tem-
po a chuvia sobre a vosa terra, a chuvia do
outono e a chuvia da primavera: colectarás o
teu trigo, o teu mosto e o teu aceite; 15porei
herba nos teus campos para o teu gando e ti
comerás ata fartar.

16Tende moito coidado de que o voso co-
razón non se deixe seducir e vós vos extra-
viedes e deades culto a deuses alleos e vos
prostredes diante deles. 17Porque se acende-
ría a ira do Señor contra vós: pecharía o ceo e
non habería chuvia e o campo non daría o seu
froito e desapareceriades axiña de sobre esta
boa terra que vos vai dar o Señor.

*d. Exhortación á fidelidade aos manda-
mentos*

18Constituíde estas palabras miñas como
obxecto das vosas intencións e do voso es-
forzo, atádeas ao voso pulso como sinal e po-
ñédeas entre os vosos ollos como filacterio;
19ensinádellelas aos vosos fillos, falándolles
delas cando esteas sentado na túa casa e can-
do vaias de camiño, cando esteas deitado e
cando esteas de pé; 20e escríbeas nos marcos
da túa casa e nas túas portas, 21para que os
vosos días e os días dos vosos fillos sobre a
terra, que o Señor prometeu con xuramento
dar a vosos pais, duren tanto coma os días do
ceo sobre a terra.

22Ollade que se gardades fielmente todos
estes mandamentos que eu vos mando cum-
prir, amando ao Señor, camiñando por todos
os seus vieiros e apegándovos a El, 23entón
o Señor irá diante de vós expulsando todos
estes pobos e vós tomaredes posesión de po-
bos máis grandes e máis poderosos ca vós.
24Todos os lugares onde pise a planta do voso
pé serán vosos. A vosa fronteira será desde
o deserto e o Líbano e desde o río Éufrates
ata o mar do occidente. 25Ninguén se resistirá
diante de vós. O Señor, voso Deus, difundirá
pánico e medo por todo o país no que vós
pisedes, tal e como volo dixo.

*e. A bendición e a maldición na Alianza
de Xequem*

26Olla! Eu poño diante de vós hoxe ben-
dición e maldición: 27a bendición, se facedes
caso dos mandamentos do Señor, voso Deus,
que eu vos mando hoxe; 28e a maldición, se
non facedes caso dos mandamentos do Se-
ñor, voso Deus, e vos apartades do camiño
que eu vos mando hoxe, marchando tras de
deuses estranxeiros que non coñeciades.

29Cando o Señor, o teu Deus, te faga en-
trar no país a onde vas para o tomares en
posesión, ti porás a bendición sobre o monte
Garizim e a maldición sobre o monte Ebal.
30Estes montes dominan a ribeira do Xordán
detrás do camiño da posta do sol, o territorio
do rei cananeo que manda na Arabah, fronte
a Guilgal, no lado da aciñeira de Moreh.

*f. Introdución e vínculo do código*

31Ollade que ides cruzar o Xordán para en-
trardes a ocupar o país que o Señor, o voso
Deus, vos dá; tomade posesión del e domi-
nádeo 32e estade atentos a cumprir todos os
mandamentos e decretos que eu vos poño
diante hoxe.

**11**, 10 "Regar co pé": técnica agrícola propia do Exipto de entón.

**11**, 26-30 A bendición e a maldición, segundo as alianzas de vasalaxe hititas, son as fórmulas conclusivas da Alianza; tamén aquí se trata da Alianza e, máis en concreto, da renovación periódica da alianza que tivo lugar en Xequem, como o indican os nomes xeográficos do v. 29. Xequem (lit. "as costas", os ombreiros) era un lugar e un santuario que estaba entre os dous montes indicados: o Ebal, ao NO (á esquerda, man da mala sorte); e o Garizim, ao SL (á man dereita, man da boa sorte e da bendición). De feito aquí tivo que celebrarse a renovación da Alianza para as tribos do Norte (cando menos), xa que en Xuí **9**, 46, ao Deus de Xequem chámaselle "Deus da Alianza" ("El Berit"), e aos homes de Xequem chámaselles "homes de Hamor" (=lit. homes do burro), porque, ao xeito dos pactos arameos-hurritas, sacrificábase un asno nas alianzas; de aquí a expresión "homes do burro" = "homes da Alianza" (cf tamén Dt **27**-28; **31**, 15-20; Xos **8**, 33-35; **23-24**). O termo "Guilgal" é un nome xeográfico moi frecuente, que alude aos monumentos megalíticos prehistóricos.

**11**, 30 *Manda*: A raíz hebrea "iaxab" non soamente significa sentar, habitar, vivir, senón tamén sentar no trono, reinar, dominar.

## II. CÓDIGO DEUTERONÓMICO

**12** [1]Estes son os mandamentos e os decretos que estaredes atentos a cumprir na terra que o Señor, Deus de vosos pais, vos deu en posesión durante todos os días que vós vivades na terra.

### O culto ao Señor: santuario único

[2]Destruiredes totalmente todos os santuarios onde os pobos que ides ocupar lles daban culto aos seus deuses, no cume das altas montañas e sobre os outeiros e debaixo de toda árbore que verdee. [3]Romperedes os seus altares, esnaquizaredes as súas estelas, queimaredes con lume as representacións de Axerah, quitaredes as imaxes dos seus deuses e faredes desaparecer os seus nomes dese lugar santo. [4]No culto ao Señor, o voso Deus, non habedes facer deste xeito. [5]O santuario, que o Señor, voso Deus, escolleu de entre todas as tribos para pór alí o seu nome, ese buscarédelo como a súa morada. Entraredes nel [6]para presentardes alí os vosos holocaustos e os vosos sacrificios, os vosos décimos e as ofrendas voluntarias das vosas mans, os vosos sacrificios ofrecidos en promesa e as vosas ofrendas espontáneas e os primoxénitos do voso gando e dos vosos rabaños. [7]Alí habedes comer na presenza do Señor, o voso Deus, e debedes festexar, vós e a xente das vosas casas, en todas as vosas empresas, unha vez que o Señor, o voso Deus, vos bendiga.

[8]Non habedes de facer tal e como nosoutros estamos facendo hoxe aquí: cada un fai o que mellor lle parece, [9]pois ata agora aínda non entrastes no lugar do descanso nin na herdanza que o Señor, o voso Deus, vos vai dar. [10]Cruzaredes o Xordán e viviredes no país que o Señor, o voso Deus, vos vai dar en herdanza e onde vos vai facer descansar de todos os inimigos que vos rodean, e así viviredes tranquilos. [11]Entón a aquel santuario que escolla o Señor, o voso Deus, para pór nel o seu Nome, levaredes todo o que eu vos mande: os vosos holocaustos e os vosos sacrificios, os vosos décimos e as ofrendas voluntarias da vosa man e todo o mellor das vosas promesas que lle fagades ao Señor. [12]E faredes festa na presenza do Señor, o voso Deus, vós e mais os vosos fillos e fillas e os vosos servos e servas e tamén o levita que viva dentro das portas das vosas cidades, pois non ten parte nin herdanza convosco.

[13]Gárdate ben de ofrecer o teu holocausto en calquera santuario que vexas, [14]senón que no santuario que escolla o Señor nunha das túas tribos, alí ofrecerás o teu holocausto e alí farás todo o que eu che mande.

### As comidas de animais e o santuario único

[15]Soamente matarás animais por mor do apetito da túa gorxa e comerás carne segundo a bendición que che concedeu o Señor, o teu Deus, dentro das portas de calquera cidade túa. Comerán tanto o que está impuro coma o que está puro, o mesmo que sexa dunha gacela ou dun cervo. [16]Soamente non comerás o sangue, que o verterás na terra coma se fose auga.

[17]Non che está permitido comer dentro das portas das túas cidades o décimo do teu trigo, nin do teu mosto, nin do teu aceite, nin os primoxénitos do teu gando e do teu rabaño, nin ningunha das túas promesas que ti fagas, nin as túas ofrendas espontáneas, nin as ofrendas voluntarias da túa man. [18]Si, has comelas soamente na presenza do Señor, o teu Deus, no lugar que escolla o Señor, o teu Deus, tanto ti coma o teu fillo e a túa filla, o teu servo e a túa serva e mais o levita que está dentro das portas da túa cidade. Comeredes e faredes festa na presenza do Señor, o teu Deus, por todas as túas empresas. [19]Gárdate ben de esquecer o levita durante todos os teus días que vivas na túa terra.

[20]Cando o Señor, o teu Deus, anchee as túas fronteiras, tal e como cho prometeu, e ti

**12**, 3-5 *Lugar santo*. O vocábulo hebreo "maqom", empregado nun contexto cúltico, ten máis que nada o valor de santuario, lugar santo. Refírese aquí ao santuario central e único do que se fala a continuación.
"Facer desaparecer os nomes", significa facer desaparecer a presenza dinámica, a invocación e a acción beneficiosa destes deuses pagáns.
**12**, 5 Sobre o santuario en cuestión, cf Introdución ao Dt **3**.

**12**, 8 *Estamos facendo hoxe aquí*: refírese á estancia da asemblea de Israel en Transxordania (dado que o código é literalmente unha parte do segundo discurso, que se pon na boca de Moisés). *O que mellor lle parece*: (lit. "o que é correcto aos seus ollos"). Os ollos: forma de expresión da conciencia moral do home.
**12**, 12 A preocupación polo *levita*: a distinción entre sacerdote-levita e levita é dun tempo moi posterior (compárese **18**, 1 con **18**, 6).

digas: "Quero comer carne", pois a túa gorxa sente apetito de comer carne, entón poderás comer carne con todo o apetito da túa gorxa. [21]Se está lonxe de ti o santuario que o Señor escolla para pór alí o seu Nome, entón mata algo do teu gando e do teu rabaño que o Señor che deu, tal e como cho mandei, e come dentro das portas da túa cidade con todo o apetito da túa gorxa. [22]Si, o mesmo que se come a gacela e mais o cervo, así comerás a carne; o que estea impuro e mais o puro comerana xuntos.

[23]Mantente moi firme soamente en non comer o sangue, pois o sangue é a vida, e non podes comer a vida xunto coa carne. [24]Non o comerás, senón que o verterás na terra coma se fose auga. [25]Non o comerás, para que che vaia ben a ti e aos teus fillos despois de ti, pois has de facer o que é correcto aos ollos do Señor. [26]Soamente collerás as reses que teñas consagradas e as túas promesas e levaralas ao santuario que escolla o Señor. [27]Has de facer os teus holocaustos –carne e sangue– sobre o altar do Señor, o teu Deus; o sangue do teu sacrificio hase verter sobre o altar do Señor, o teu Deus, mentres que a carne has de comela.

[28]Garda e fai moito caso de todas estas cousas que eu che mando, para que che vaia ben a ti e aos teus fillos despois de ti, para sempre, pois has de facer o que é bo e recto aos ollos do Señor, o teu Deus.

### Perigo de asemellar o culto ao Señor co culto aos ídolos

[29]Cando o Señor, o teu Deus, faga desaparecer da túa presenza os pobos onde ti entras para os dominar, e cando ti tomes posesión deles e vivas no seu país, [30]despois de que eles sexan exterminados da túa presenza, gárdate ben de caer na trampa indo detrás deles e de consultar os seus deuses dicindo: "Tal e como deron culto estes pobos aos seus deuses, así tamén eu o farei". [31]Non fagas así no culto ao Señor, o teu Deus, pois todo iso é abominación para o Señor porque el odia o que eles fan no culto aos seus deuses, pois mesmo chegan a queimar no lume aos seus fillos e ás súas fillas en honor aos deuses.

**13** [1]Todas as cousas que eu vos mando, estade atentos e cumprídeas. Non lles engadades nin lles quitedes nada.

### Pena de morte para os incitadores á idolatría

[2]Se xorde no medio de ti un profeta ou un visionario de soños e che presenta un sinal ou un prodixio [3]e se se cumpre o sinal ou o prodixio que che dixo e logo el di: "Camiñemos tras os deuses alleos que non coñecemos e deámoslles culto". [4]Non lles fagades caso ás palabras de tal profeta ou ao tal visionario de soños, pois o Señor, o voso Deus, estavos poñendo a proba para saber se de verdade amades ao Señor, o voso Deus, con todo o voso corazón e con toda a vosa intención. [5]Camiñaredes tras o Señor, o voso Deus, respectarédelo a El, gardaredes os seus mandamentos, escoitaredes a súa voz, darédeslle culto a El e apegarédesvos a El. [6]E o tal profeta ou o tal visionario ha ser executado, pois predicou a rebelión contra o Señor, o voso Deus, que vos sacou do país de Exipto e que vos rescatou da escravitude; si, quíxote apartar do camiño polo que o Señor, o teu Deus, te mandara camiñar. Dese xeito farás desaparecer do medio de ti a maldade.

[7]Se teu irmán, fillo de teu pai ou de túa nai, ou o teu fillo, ou a túa filla, ou a muller que repousa no teu seo ou o teu amigo, que é coma a túa vida, te incitan ás agachadas dicíndoche: "Vaiamos dar culto a deuses alleos", que non coñeciches nin ti nin teus pais [8]–trátese dos deuses dos pobos que vos rodean cerca de ti ou dos que están lonxe de ti desde un cabo ao outro cabo da terra–, [9]non lles obedezas nin lles fagas caso, nin o teu ollo teña piedade deles, nin sintas compaixón, nin os encubras. [10]Debes absolutamente matalos: a túa man será a primeira en darlles morte e a man de todo o pobo seguirá despois: [11]acantázao con pedras e que morran, xa que trata-

**12**, 23s A prohibición de "comer sangue" ten como base a experiencia elemental de matar desangrando. O sangue, por tanto, é o asento da vida ("néfex"), da respiración: por iso haino que tratar como algo sacro, e vertelo na terra, para que vaia ao mundo dos espíritos (a terra ten aquí o sentido do que está baixo terra).

**12**, 28 Este código ten un carácter claramente exhortativo, o mesmo ca os discursos da primeira parte.

**13**, 4 *Os soños* ou a visión nocturna é unha das formas proféticas de revelación.

**13**, 6 O concepto que o Dt ten do pobo é o dun pobo totalmente consagrado ao Señor; por isto é obrigación fundamental de cada un dos membros da comunidade (vv. 9s. 12. 18) e debe estar por enriba dos sentimentos familiares máis nobres.

**13**, 7 *A muller que repousa no teu seo* (lit. "a muller do teu seo").

ron de te apartar do Señor, o teu Deus, que te sacou do país de Exipto, da escravitude. 12Así, todo Israel, ao escoitar isto, terá medo e non continuará cometendo no medio de ti maldade semellante a esta.

13Cando nunha das túas cidades que o Señor, o teu Deus, che concedeu para vivires nela, oias dicir 14que uns homes, fillos de quen non serve para nada, saíron do medio de ti e seduciron aos habitantes da súa cidade dicíndolles: "Vaiamos dar culto aos deuses alleos", que non coñeciades, 15entón busca, examina e comproba con todo coidado. Se resulta que se confirma a verdade de tal feito, que esa abominación se cometeu no medio de ti, 16entón baterasllles co fío da espada aos habitantes da tal cidade: entregarala con todo o que hai nela ao exterminio sagrado co fío da espada. 17Xuntarás no medio da praza da cidade todo o seu botín; a cidade e o botín queimaralos totalmente na labarada en ofrenda ao Señor, o teu Deus, e ela ha ser coma un outeiro para sempre, pois non será reedificada. 18Nada do consagrado ao exterminio se che pegará á túa man para que o Señor cambie o ardor da súa ira e che conceda misericordia e teña compaixón de ti e te multiplique, tal e como llelo xurou a teus pais. 19Si, escoita a voz do Señor, o teu Deus, gardando os seus mandamentos que eu che mando hoxe e facendo o que é recto aos ollos do Señor, o teu Deus.

### Prohibición dun costume idolátrico

**14** 1Fillos sodes vós do Señor, o voso Deus. Non vos fagades incisións, non vos rapedes entre os vosos ollos por quen morre, 2xa que ti es un pobo consagrado ao Señor, o teu Deus, e o Señor escolleute para que lle foses o pobo da súa especial posesión entre todos os pobos que hai sobre a terra.

3Non comerás nada abominable. 4Estes son os animais que poderedes comer: o boi, o año, o cabrito, 5o cervo, a gacela, a cabra corza, a cabra montesa, o antílope, o bisonte e o castrón montés. 6Todo animal que ten o casco partido e fendido en dúas metades e que remoe, podedes comelo. 7De entre eles soamente non podedes comer estes: o camelo, a lebre e o coello, pois aínda que remoen, non teñen o casco partido. Para vós serán impuros. 8E o porco, aínda que ten a unlla partida, non remoe; será impuro para vós. Non lle poderedes comer a carne nin poderedes tocar o seu cadáver.

9De todo o que hai na auga, poderedes comer isto: todo o que ten aletas e escamas podedes comelo; 10pero todo o que non teña aletas nin escamas, non o podedes comer, será impuro para vós.

11Todo paxaro puro poderedes comelo. 12Velaí os que non poderedes comer: a aguia, o voitre barbudo, a aguia de mar; 13o voitre emigrante e o voitre de calquera caste 14e corvo de calquera caste 15e a avestruz, o falcón, a gaivota e toda especie de azor; 16o moucho, o ibis, o cisne, 17o pelicano, a grúa, o corvo do mar, 18a cegoña, a garza real nas súas diferentes especies, a bubela e o morcego. 19Todo insecto voador será impuro para vós, non se comerá. 20Podedes comer todos os paxaros puros. 21Non podedes comer ningún animal que morreu: darasllo ao emigrante que está dentro das portas da túa cidade e comerao, ou, se non, véndello ao estranxeiro, xa que ti es un pobo consagrado ao Señor, o teu Deus. Non cocerás o cabrito no leite de súa nai.

**13**, 14 *Fillos de quen non serve para nada*. Esta expresión hai que entendela en relación con **14**, 1 ("Fillos sodes vós do Señor, o voso Deus"). "Fillos" equivale a adoradores protexidos, devotos. O que non serve para nada, por tanto, ten que ser unha divindade pagá ou demo personificado na tal divindade.

**13**, 16-18 *O exterminio sagrado* ("hérem") dunha cidade e o botín collido nela considéranse unha ofrenda expiatoria á ira do Señor, ao mesmo tempo que a supresión da maldade do medio de Israel (o mesmo terreo tense por maldito, e non é edificable para Israel). A finalidade de toda esta serie de feitos destrutivos é manter a orde sagrada no país, para que a bendición de Deus continúe sobre el. Manter a orde, de acordo co plan de Deus, é o valor supremo para o semita.

**14**, 1s Prohíbese a participación nos cultos pagáns, non os ritos funerarios polos mortos da familia. Por iso condénanse as incisións polos mortos, pola semellanza co que fan os pagáns (cf Lev **19**, 28; 1 Re **20**, 41; 2 Re **2**, 23; Xob **1**, 20; Ez **7**, 18; Am **8**, 10).

**14**, 4-21 As razóns destas prohibicións son, nalgúns casos, de hixiene alimentaria, mentres que noutros son de tipo relixioso, xa que moitos dos animais prohibidos eran animais sagrados das relixións veciñas.

**14**, 6 Trátase dunha norma práctica, que era aplicada cuns coñecementos zoolóxicos elementalísimos e un tanto fantasiosos.

**14**, 21 A razón de non comer o animal morto, era a de non comer o sangue do animal. O que aquí se lle permite ao estranxeiro, silénciase no Código da Alianza (Ex **22**, 30), e prohíbese positivamente no Código da Santidade (Lev **17**, 15), que considera ao estranxeiro residente como membro do pobo.

*Cocer o cabrito no leite de súa nai*: asimilación co culto cananeo, xa que en Ugarit existía, como ofrenda a Axerah, o cabrito ou o año cocidos en leite (cf Text **52**, 14ss).

### O décimo anual

[22]Xuntarás o décimo de todos os produtos da túa sementeira, do que dá o campo, ano tras ano, [23]e comeralos na presenza do Señor, o teu Deus, no santuario que escolla para facer residir alí o seu Nome: o décimo do teu trigo, do teu mosto e do teu aceite e mais os primoxénitos do teu gando e do teu rabaño, para que aprendas a respectar o Señor, o teu Deus, todos os días. [24]Mais se o camiño desde onde vives fose tan longo que non es capaz de levar o décimo (porque está moi arredado de ti o santuario que o Señor, o teu Deus, escolla para pór alí o seu Nome e porque o Señor, o teu Deus, te bendiciu con abundancia), [25]pon o décimo en diñeiro, colle o diñeiro na túa man e vai ao santuario que escolla o Señor, o teu Deus. [26]Logo compra con diñeiro todo o que lle apetece á túa gorxa: gando, reses, viño e bebidas fermentadas e todo o que che apeteza. Come alí na presenza do Señor, o teu Deus, e fai festa, ti e mais os da túa casa. [27]Non te esquezas do levita que vive dentro das portas da túa cidade, pois non ten parte nin herdanza contigo.

### O décimo trienal

[28]Ao cabo de tres anos, sacarás todo o décimo dos teus produtos dese ano e poralos ás portas da túa cidade. [29]Virá o levita, pois non ten parte nin herdanza contigo, e mais o emigrante, o orfo e a viúva que hai dentro das portas da túa cidade e comerán ata se fartaren para que te bendiga o Señor, o teu Deus, en todas as obras das túas mans que queiras facer.

### O ano sabático: a remisión das débedas cada sete anos

**15** [1]Ao cabo de sete anos farás a remisión das túas débedas. [2]Esta é a lei da remisión: todo posuidor de máis do seu lote de terra ha de soltar a súa posesión, xa que ocupou a do seu próximo. Non oprimirá ao seu próximo nin a seu irmán, xa que foi proclamada a remisión de parte do Señor. [3]Podes forzar o estranxeiro, pero a facenda de teu irmán soltarala da túa posesión.

[4]Así que dentro de ti non haberá pobres, pois o Señor hate bendicir abundantemente no país que o Señor, o teu Deus, che vai dar para o posuíres en herdanza, [5]coa única condición de que lle fagas caso á voz do Señor, o teu Deus, estando atento a cumprir todo este mandamento que eu che mando hoxe. [6]Si, o Señor, o teu Deus, bendicirate tal e como cho prometeu e prestaraslles con xuros a pobos numerosos, pero ti non pedirás prestado; mandarás en pobos numerosos, pero en ti non mandarán.

[7]Se hai en ti algún pobre entre algún dos teus irmáns nalgunha das portas das cidades do teu país que o Señor, o teu Deus, che vai dar, non endurezas o teu corazón nin peches a túa man prescindindo do teu irmán, que é

**14**, 22 Este costume, testemuñado xa no s. VIII (cf Xén **28**, 22; Am **4**, 4), responde á fe israelita, que ve en Iavé o Señor da terra, que bendí a Israel con boas colleitas e que espera do pobo o agradecemento.
O Lev **27**, 30-32 estende a lei ao gando que ofrendado servía de comida sacrificial, xa que en Núm **18**, 21-23 (da fonte P), entrégase o décimo aos levitas, e estes entregan a décima parte aos sacerdotes.
**14**, 24ss É unha adaptación da lei á lexislación especial de Dt sobre o santuario central.
**14**, 28s Estas concrecións da lei do décimo son unha consecuencia da centralización do culto no santuario único. Nos santuarios locais participaban o levita e os pobres; pero no santuario central, os pobres de lonxe non participaban: por iso dáse esta lei especial, que os atende cada tres anos. A transferencia aos pobres dos dereitos dos levitas vén de Deus, pois se practicaba nos sacrificios de comuñón e de acción de grazas, e está presente noutros textos sagrados (cf Is **1**, 13-15; Os **6**, 6; Mt **25**, 40; 1 Xn **4**, 20). No fondo, a fe expresada na devandita lei ten estas consecuencias: o Señor da terra, dálla ao pobo; e a propiedade privada non pode impedir o feito teolóxico do destino fundamental do don de Deus: o ben do pobo.

**15**, 1-11 Esta lei da remisión das débedas no ano sabático ten os seus antecedentes no Código da Alianza (Éx **23**, 1-11, da época premonárquica), onde soamente se trata do descanso da terra (non se sementa nin se poda, e destínanse aos pobres os froitos dos campos, das viñas e das oliveiras). O Código Deuteronómico (do s. VIII) supón en Israel unha economía baseada no diñeiro: no ano sabático perdóanse as débedas, e hai que devolver as terras compradas. Esta remisión e nivelación da base económica tiña unha data fixa e xeneralizada; se non, non se explicaría a exhortación á xenerosidade, nos vv. 7-10. A remisión das débedas e o recobro das terras no s. VII en Xudá, acontece no ano xubilar (Código da Santidade: Lev **25**). Como a terra que ocupa Israel é propiedade do Señor, o pobo ten que facer equidade, polo menos cada certo tempo.
**15**, 2 *Irmán*: especifica o sentido de próximo, reducíndoo aos hebreos, e excluíndo os xentís.
*Posesión*: lit. "man".
**15**, 4-6 Estes vv. son un engadido posterior. Prométeselle a Israel unha prosperidade á que nunca chegou, pero que é unha meta a construír mediante a obediencia á lei do Señor.

pobre. [8]Ábrelle a túa man cumpridamente e préstalle a crédito todo o que el precise, pois pode ter falta diso. [9]Gárdate ben de que haxa no teu corazón palabra do que non aproveita pensando: "Está cerca o ano sétimo", o ano da remisión das débedas e de que así o teu ollo sexa avarento con teu irmán, que é pobre, e de non lle dares nada, pois clamará ao Señor contra ti e iso será un pecado para ti. [10]Dálle abundantemente e que a túa intención non sexa avarenta ao lle dares, pois por mor deste feito hate bendicir o Señor, o teu Deus, en todas as túas obras e en todas as túas empresas.

[11]Olla que nunca faltará o pobre no medio do país. Por isto, eu mándoche: ábrelle cumpridamente a túa man a teu irmán, ao teu oprimido e ao teu pobre no teu país.

### A manumisión dos escravos hebreos

[12]Se teu irmán, sexa hebreo ou hebrea, se vende a ti, hate servir durante seis anos, pero no ano sétimo mandaralo marchar libre de onda ti [13]e cando o deixes marchar libre de onda ti, non o mandes marchar sen nada, [14]cárgao abundantemente con crías do teu rabaño, con froitos da túa eira e do teu lagar. Dálle daquilo co que o Señor, o teu Deus, te bendiciu. [15]Lémbrate de que fuches servo no país de Exipto e de que te redimiu o Señor, o teu Deus. Por isto mándoche hoxe este precepto. [16]Pero pode suceder que che diga: "Non quero saír de onda ti", pois tenche amor a ti e á túa casa porque está feliz contigo. [17]Entón collerás o punzón e furaraslle a orella contra o batente da túa porta e será para ti servo para sempre; e tamén farás o mesmo coa serva. [18]Non lle resulte duro á túa cobiza o deixalo marchar libre de xunto a ti, pois serviute polo dobre do xornal dun xornaleiro durante seis anos e o Señor, o teu Deus, hate bendicir en todo o que fagas.

### A consagración dos primoxénitos dos animais domésticos

[19]Todo primoxénito macho que naza no teu gando e no teu rabaño consagraralo ao Señor, o teu Deus. Non traballarás co primoxénito da túa vaca nin raparás o primoxénito das túas ovellas. [20]Na presenza do Señor, o teu Deus, has comelo ano tras ano, ti e mais a túa casa, no santuario que o Señor escolla. [21]Pero se hai algún defecto nel, coxo ou cego ou calquera outro defecto malo, non llo ofrecerás en sacrificio ao Señor, o teu Deus. [22]Comerano dentro das portas da túa cidade tanto quen está puro coma quen está impuro, comerano xuntos, o mesmo que se fose unha gacela ou un cervo. [23]Soamente o seu sangue non o comerás, verteralo na terra coma se fose auga.

### As festas

*a. A Pascua e os Ácimos*

**16** [1]Garda o mes das espigas e celebra a Pascua en honor do Señor, o teu Deus, pois no mes das espigas fíxote saír de noite o Señor, o teu Deus, de Exipto. [2]De sacrificio de Pascua ofrecerasllе ao Señor, o teu Deus, un cordeiro ou un becerro no santuario que escolla o Señor, para que alí habite o seu Nome. [3]Non comerás co sacrificio nada con fermento durante sete días; comerás co sacrificio pan ácimo, pan de aflición, pois de présa saíches do país de Exipto, para que te lembres do día no que saíches do país de Exipto todos os días da túa vida. [4]Non se verá fermento en todos os teus confíns durante sete días e nada da carne que sacrifiques pola tarde do día primeiro pasará a noite ata a mañá seguinte.

[5]Non poderás facer o sacrificio da Pascua en ningunha das túas cidades nas que o Señor, o teu Deus, che entregue; [6]soamente no santuario que o Señor, o teu Deus, escolla para que alí habite o seu Nome. Has de ir facer alí o sacrificio da Pascua pola tardiña,

**15**, 12 Aínda que no Código da Santidade se fai a manumisión no ano xubilar (cf nota a **15**, 1-11), aquí prescríbese que se faga cada sete anos.
Os vv. 13-15. 18 reflicten a teoloxía do Dt: a axuda e liberalidade co escravo ten de ser unha resposta de fe no poder salvífico e de bendición que Deus manifesta cos membros do seu pobo. Os feitos redentores do Éxodo seguen sendo a base teolóxica da moral do Dt.
**15**, 14 *Cárgao abundantemente*: lit. "ponlle ao redor do pescozo un colar feito cos produtos dos teus años".
**15**, 18 *Duro á túa cobiza*: lit. "duro aos teus ollos" .
**15**, 19s Esta lei é propia da vida nómade e foi recollida xa polo Código da Alianza (Éx **22**, 28-29). Agora adáptase á lei do santuario único.
**16**,1 *Mes das espigas* (en hebreo "Abib"). Cf nota a Éx **12**, 2.
**16**, 1-8 *A Pascua* aparece nos documentos máis antigos como unha festa familiar (Éx **23**, 18; **34**, 25...). No Dt, en troques, é presentada como unha romaría ao santuario único. A festa dos Ácimos, que inicialmente tiña un carácter independente e agrario, vén englobada no Dt na festa da Pascua, como unha prolongación da mesma, e fálase dos Ácimos no sentido de "pan da aflición", relacionándoos coa saída de Exipto.

cando se poña o sol, no preciso momento no que ti saíches de Exipto. [7]Cociñarás a vítima e comerala no santuario que o Señor, o teu Deus, escolla. Pola mañá darás a volta e camiñarás para as túas tendas. [8]Durante seis días comerás pan ácimo e no día sétimo terá lugar a reunión de festa en honor do Señor, o teu Deus. Non farás ningún traballo.

*b. A festa das Semanas*

[9]Contarás para ti sete semanas: desde que comeza a fouce a segar no pan, comezarás a contar sete semanas. [10]Entón celebrarás a festa das Semanas en honor do Señor, o teu Deus. A proporción da ofrenda voluntaria da túa man que ti darás libremente será segundo te bendiga o Señor, o teu Deus.

[11]No santuario que o Señor, o teu Deus, escolla para que more alí o seu Nome, fai festa na presenza do Señor, o teu Deus, ti e mais o teu fillo e mais a túa filla, o teu servo e mais a túa serva e o levita que vive dentro das portas da túa cidade, o emigrante, o orfo e mais a viúva que están no medio de ti. [12]Lembra que fuches escravo en Exipto; garda e cumpre todos estes preceptos e ponos en práctica.

*c. A festa das Cabanas*

[13]Ao colectares os froitos da eira e mais do lagar, has celebrar a festa das Cabanas durante sete días. [14]Haste alegrar na túa festa, ti e o teu fillo e mais a túa filla, o teu servo e mais a túa serva, o levita e mais o emigrante, o orfo e mais a viúva que haxa na túa cidade. [15]Sete días has de facer romaría en honor do Señor, o teu Deus, no santuario que o Señor escolla, pois o Señor, o teu Deus, bendiciute nas túas colleitas e nas obras da túa man; por isto, certamente estarás alegre.

*d. Resumo*

[16]Tres veces durante o ano todos os teus homes hanse presentar diante do Señor, o teu Deus, no lugar que El escolla: na festa do Pan Ácimo, na festa das Semanas e na festa das Cabanas, e non se han presentar sen nada. [17]Cada un presentará a ofrenda da súa man, segundo a bendición que o Señor, o teu Deus, che concedeu.

**Leis para os xuíces**

[18]Porás pola túa conta para as túas tribos xuíces e maxistrados en todas as cidades que o Señor, o teu Deus, che vai dar e han xulgar o pobo con xuízo xusto. [19]Non violentes o xuízo nin te fixes nas caras dos litigantes nin collas regalos, pois o regalo cega os ollos dos sabios e perverte a causa dos xustos. [20]Buscarás a pura xustiza para que poidas vivir feliz e tomar posesión do país que o Señor, o teu Deus, che vai dar.

**Pecados contra o culto e de idolatría**

[21]Non plantarás no teu proveito símbolos de Axerah nin ningunha árbore ao lado do altar do Señor, o teu Deus, que ti fagas. [22]Non levantarás estelas, que o Señor, o teu Deus, aborréceas.

**17** [1]Non lle ofrecerás en sacrificio ao Señor, o teu Deus, touro ou año que teña algún defecto ou cousa mala, pois isto sería unha abominación para o Señor, o teu Deus.

[2]Se se atopa no medio de ti nalgunha das cidades que o Señor, o teu Deus, che vai dar, home ou muller que faga o que está mal aos ollos do Señor, o teu Deus, transgredindo a súa Alianza [3]e que vai dar culto a deuses alleos e prostrarse diante deles, diante do sol ou da lúa ou de todo o exército do ceo, cousa que eu non che mando, [4]se cho denuncian ou se te decatas, investiga con todo o coidado: se se establece a verdade do tal feito, comprobándose que esa abominación se cometeu en Israel, [5]entón sacarás fóra das portas das túas cidades o home ou muller que tal mal feito cometeu; ao tal home ou á tal muller

**16**, 9-12 *A festa das Semanas* chámase tamén "festa da Seitura" e "festa das Primicias". No Dt vese máis concretada que nos antigos calendarios, precisando a data, a ofrenda, e o santuario onde se ha de celebrar. Faise ademais unha historización da festa, xustificando a obrigación de compartir cos pobres na liberación da escravitude de Exipto.

**16**, 13-15 *A festa das Cabanas* (ou das Tendas) non é a festa da fin do ano outonal cananeo e civil, senón a festa da colleita de todos os froitos. Non ten data fixa nos calendarios máis antigos. En troques, a fonte P (Lev **23**, 6ss; Núm **29**, 12ss) dataraa no día dez ou quince do sétimo mes: sinal de que o autor prescinde do calendario civil cananeo e oficial hebreo, para seguir un calendario litúrxico que comeza co mes de *Abib*. O autor fai fincapé na ledicia desta festa de acción de grazas.

**16**, 19ss Esta reforma xudicial cos xuíces locais e cun tribunal de apelación formado por sacerdotes (=levitas) tivo realización no reinado de Ioxafat (870-848), influíndo sen dúbida no Dt (cf 2 Cro **19**, 4ss).

**17**, 3 A expresión "sol, lúa, todo o exército do ceo", soamente aparece no Dt aquí e en **4**, 19. Todo o versículo é, sen dúbida, da época deuteronomística, xa que era en Babilonia onde tiñan lugar eses cultos astrais e foi nesta época cando tiveron influxo no pobo hebreo (cf 2 Re **21**, 3-5; **23**, 4-5; Xer **8**, 2; **19**, 13).

apedraralos ata que morran. [6]O que ha morrer será morto pola declaración de dúas ou de tres testemuñas: non será morto pola declaración dunha soa testemuña. [7]A pedrada das testemuñas será a primeira en darlle morte e a man de todo o pobo seguirá despois, e deste xeito retirarás do medio de ti este mal.

### Tribunal de apelación composto por sacerdotes-levitas

[8]Se che resultan demasiado difíciles algúns asuntos relativos ao xuízo de sangue vertido, de litixios e de feridas –asuntos de disputa legal nas portas das túas cidades–, entón levántate e sube ao santuario que o Señor, o teu Deus, escolla [9]e vai xunto aos sacerdotes levitas e xunto ao xuíz que haxa neses días; consúltaos e que fagan saber a sentenza do xuízo. [10]Logo actúa conforme co fallo que se che comunique desde o santuario que o Señor escolla e estate atento a executalo todo tal e como cho ordenen. [11]Has de actuar conforme o texto da resolución que che ordenen e conforme a sentenza que che diten. Non te apartarás nin á dereita nin á esquerda da decisión xudicial que che fagan coñecer. [12]O home que actúe con orgullo sen lle querer facer caso ao sacerdote que está servindo alí ao Señor, o teu Deus, ou ao xuíz, ese tal home ha morrer. Deste xeito apartarás a maldade de Israel, [13]pois todo o pobo escoitará isto e collerá medo e así non se volverá deixar levar polo orgullo.

### O estatuto do rei

[14]Cando entres no país que o Señor, o teu Deus, che vai dar e o collas en posesión e vivas nel, entón dirás: "Quero pór sobre min un rei coma todos os pobos que me rodean". [15]Has pór sobre ti soamente o rei que escolla o Señor, o teu Deus; de entre os teus irmáns has pór sobre ti un rei, non poderás pór sobre ti un estranxeiro que non sexa irmán teu. [16]Soamente que non poderá aumentar o número dos seus cabalos e non fará volver o seu exército a Exipto para aumentar o número de cabalos, pois o Señor tenvos dito: "Non volvades de novo por este camiño". [17]Nin tampouco el deberá aumentar o número das súas mulleres, para que non se lle extravíe o seu corazón; a prata e o ouro non os deberá aumentar moito.

[18]Cando se entronice no trono do seu reino, mandará que lle escriban nun libro unha copia desta lei, conforme co orixinal que está no poder dos sacerdotes levitas. [19]Esa copia teraa con el e leraa todos os días da súa vida para que aprenda a respectar o Señor, o seu Deus, gardando todas as disposicións desta lei e estes preceptos, poñéndoos en práctica, [20]de xeito que o seu corazón non se ensoberbeza sobre os seus irmáns nin se aparte dos mandamentos nin á dereita nin á esquerda, co fin de alongar no medio de Israel os días do seu reinado: do seu e mais dos seus fillos.

### Igualdade de dereitos dos levitas-sacerdotes

**18** [1]Os sacerdotes levitas, toda a tribo de Leví, non terán parte nin herdanza con Israel; comerán as ofrendas feitas en honor do Señor, isto é, a parte que é do Señor. [2]A tribo de Leví non terá herdanza no medio dos seus irmáns: o Señor será a súa herdanza, tal e como llo prometeu.

[3]Estes serán os dereitos dos sacerdotes sobre aqueles do pobo que inmolan en sacrificio un touro ou un año: daránselle ao sacerdote a pa, as queixadas e o estómago. [4]Hasllle dar as primicias do teu trigo, do teu mosto e do teu aceite e mais as primicias da rapa do teu rabaño, [5]pois escolleuno o Señor, o teu Deus, entre todas as túas tribos para estar servindo todos os días o Nome do Señor, el e mais os seus fillos.

**17**, 5 Nas portas da cidade era onde estaban os tribunais aos que se refire Dt **16**, 18-20 (cf **21**, 19). As execucións tiñan lugar fóra da cidade, diante das portas.
**17**, 15 Supón o texto a situación monárquica do Reino do Norte: a elección profético-divina do rei e a constitución ou acollida por parte do pobo.
**17**, 16 O peso teolóxico das tradicións das tribos do Norte, proxéctase aquí nas limitacións dos seus instrumentos de poder: cabalos, ouro e prata, e ata o número das súas mulleres, polo perigo de que se desvíen as súas intencións, como sucedera no caso de Salomón, de Acab...
**17**, 18 A monarquía non ten que ser absolutista coma as monarquías cananeas, senón estatutaria e democrática (cf v. 20), co estatuto sagrado desta Lei deuteronómica. A distinción entre civil e relixiosa é allea á concepción da antropoloxía bíblica e semítica, como unha totalidade na que se vinculan os distintos aspectos da experiencia humana.
**18**, 2 Con todo, os levitas particulares teñen territorio (cf Xos **21**; Xer **32**, 7ss; v. 8).
**18**, 3 Estes dereitos eran a práctica dos santuarios do Norte, mentres que a do templo de Xerusalén era que se lles entregara aos sacerdotes o peito e a man dereita (cf Lev **7**, 31ss). No santuario de Xiloh (1 Sam **2**, 13-14) era distinto: costumes que quizais eran de orixe preisraelita.

6Se vén un levita dunha das túas cidades,
de calquera parte de Israel onde el habita, e
se chega con todo o apetito da súa gorxa ao
santuario que o Señor escolla, 7pode entrar
en servizo ao Nome do Señor, o seu Deus, o
mesmo ca calquera de seus irmáns, os levitas
que están alí na presenza do Señor. 8Comerán a partes iguais, a non ser que sexa un dos
levitas que xa vendeu a súa parte aos que a
precisan.

### Falsas formas de profecía e o verdadeiro profeta

9Cando entres no país que o Señor, o teu
Deus, che vai dar, non aprenderás a comportarte conforme as abominacións deses pobos. 10Non se atopará en ti quen faga pasar
o seu fillo e a súa filla polo lume, quen prediga adiviñacións, quen faga encantamentos,
quen lea as sortes nos astros, quen se dea á
bruxería, 11encantadores de feitizos, quen
lles faga preguntas ao espírito dos mortos
e ao que ten o espírito adiviño dos mortos,
quen consulte os mortos, 12xa que todo aquel
que practique estas cousas é unha abominación para o Señor e por mor destas abominacións o Señor, o teu Deus, vai privar esas
nacións da súa herdanza soamente coa túa
presenza. 13Apégate completamente ao Señor, o teu Deus.

14Aínda que estes pobos, dos que vas tomar posesión, fagan caso dos encantadores
e dos adiviños, a ti o Señor, o teu Deus, non
che permite obrar deste xeito. 15A un profeta
coma min farao xurdir o Señor, o teu Deus,
no medio de ti, de entre os teus irmáns. Facédelle caso, 16tal e como llo pediches ao
Señor, o teu Deus, no Horeb o día de asemblea dicindo: "Non quero seguir escoitando
a voz do Señor, o meu Deus, nin ver máis
esta gran labarada para non morrer". 17E entón o Señor díxome: "Fixeron ben en dicir
isto. 18Fareilles xurdir un profeta coma ti do
medio de seus irmáns e porei as miñas palabras na súa boca e falaralles todo o que eu lle
mande 19e a aquel que non lle faga caso ás
miñas palabras, as que o profeta anuncie no
meu Nome, eu pedireille contas. 20Pero o tal
profeta, se ten o atrevemento de dicir no meu
Nome cousas que eu non lle mandei dicir e
fala no nome de deuses alleos, entón morrerá
ese profeta".

21Certo que podes pensar no teu interior:
"Como podemos distinguir a palabra que nos
dixo o Señor, se o profeta a di no Nome do
Señor?". 22Cando esta palabra non aconteza
nin se cumpra esa palabra, é que non a dixo
o Señor: o profeta falou por soberbia; non lle
teñas medo.

### As cidades de asilo para os homicidas involuntarios

**19** 1Cando o Señor, o teu Deus, destrúa
os pobos dos que o Señor, o teu Deus,
che vai dar o país e cando os ocupes e vivas
nas súas cidades e nas súas casas, 2porás á
parte tres cidades no medio do teu país que o
Señor, o teu Deus, che vai dar para que o posúas. 3Establecerás alí autoridades e dividirás
en tres o territorio do país que che dea en herdanza o Señor, o teu Deus. Deste xeito haberá onde poida escapar calquera homicida.
4Esta é a lei do homicida que ha de escapar
alí e seguirá vivo: se un mata o seu próximo
sen querer, pois non o aborrecía anteriormente. 5Por exemplo, un vai co seu próximo ao

**18**, 5-8 Esta lei de igualdade foi sen dúbida unha xusta esixencia de parte dos levitas-sacerdotes, pero non se aplicou nunca, fóra de Xequem: nin nos santuarios do Reino do Norte, onde había un sacerdote de orixe non levítica (cf 1 Re **12**, 29); nin en Xudá, pois Ioxías asignoulles aos levitas no templo de Xerusalén uns traballos de rango inferior aos dos sacerdotes fillos de Sadoc.
A venda da súa parte, pódese referir á porción que lle toca polo sacrificio.
**18**, 9-13 A serie de formas de adiviñación e de adquirir coñecementos, que aparecen nestes vv., estiveron en uso na época premonárquica. O Dt prohibe esas prácticas, por seren formas propias dos pagáns (xúntaas cos sacrificios humanos: v. 10a).
**18**, 15ss Estes vv. subliñan a figura de Moisés como profeta, ao mesmo tempo que anuncian a chegada dun profeta que será semellante a el. Este profeta, para o escritor, é, sen dúbida, o mesmo autor do Dt, xa que é portavoz e intérprete da lei do Señor, coma Moisés. Para os autores do N. T. ese profeta é Xesús (Mt **5**, 1-19 . 27-29; Feit **3**, 22; **7**, 37).
**18**, 21-22 Os dous criterios fundamentais de credibilidade profética –o cumprimento da súa palabra e a humildade–, son indicativos, pero non son únicos (cf Xer **28**, 8-9).
**19**, 1-13 Estes vv. son un comentario á lei da vinganza privada do sangue vertido de Éx **21**, 13-14; é un paralelo a Núm **35**, 9-34. Este costume das cidades de asilo existiu desde os comezos, o mesmo que nas tribos árabes. En Éx **21**, 14 falábase dos cornos do altar (esquinas acabadas na forma dun pequeno corno). O Dt centraliza o culto, desaparecen os santuarios das cidades de asilo e por iso hai que pór autoridades nelas.
**19**, 3 *Establecerás alí autoridades*. Outros traducen "terás franco o camiño que vai a elas". Pero "dérek", que normalmente significa "camiño", ten aquí o sentido de "poder", "autoridade".

bosque para abater árbores e o seu brazo enrédaselle coa machada no momento de cortar a árbore e o ferro salta do mango e dá contra o seu próximo e este morre, aquel debe fuxir a unha destas cidades, e poderá seguir vivo; [6]non sexa que o vingador do sangue vertido persiga o homicida porque arde o seu corazón e que o alcance por ser o camiño moi longo e que o mate, pero o homicida non incorre en pena de morte, xa que non lle tiña odio ao seu próximo anteriormente. [7]Por isto é polo que eu che mando que poñas á parte tres cidades.

[8]Se o Señor, o teu Deus, ensancha as túas fronteiras, tal e como llelo xurou a teus pais, e che dá toda a terra que lles prometeu dar a teus pais [9]–xa que ti estás atento a pór en práctica todos estes mandamentos que eu che mando hoxe, para amar ao Señor, o teu Deus, e camiñar polos seus vieiros todos os días–, entón engadirás aínda tres cidades ás outras tres. [10]Así non se verterá sangue inocente no medio do país que o Señor, o teu Deus, che vai dar en herdanza, e ese sangue non recaerá sobre ti.

[11]Se un lle ten odio ao seu próximo e se pon a axexalo, levántase contra el, golpéao de morte e este próximo morre, aquel escapará a unha desas cidades. [12]Pero os anciáns da súa cidade mandarán xente que o saque de alá e o entregue no poder do vingador do sangue vertido para que morra. [13]Os teus ollos non terán compaixón del, senón que retirarás de Israel o sangue inocente vertido e serás feliz.

### Respectar os marcos que puxeron os devanceiros

[14]Non retirarás para atrás os marcos do teu próximo que puxeron os devanceiros na túa herdanza, a que ti vas herdar no país que o Señor, o teu Deus, che vai dar en posesión.

### As testemuñas do xuízo e a lei do talión

[15]Unha testemuña non se presentará soa contra un home por calquera crime, por calquera pecado e por calquera falta que cometa; o ditame xudicial establecerase pola declaración de dúas testemuñas ou pola declaración de tres. [16]Se se presenta unha testemuña falsa contra un home, acusándoo de apostasía, [17]os dous homes que teñen a disputa comparecerán na presenza do Señor, na presenza dos sacerdotes e dos xuíces que haxa nos días aqueles [18]e os xuíces han de investigar seriamente. Se a testemuña resulta ser testemuña falsa, ten incriminado falsamente a seu irmán; [19]entón farédeslle o mesmo que pensaba el facerlle a seu irmán. Deste xeito apartarás a maldade do medio de ti. [20]O resto da xente escoitará isto e collerá medo e non seguirán a facer outra vez maldade coma esta no medio de ti. [21]Si, que o teu ollo non teña compaixón: vida por vida, ollo por ollo, dente por dente, man por man, pé por pé.

### A guerra santa

**20** [1]Cando saias para a guerra contra os teus inimigos e vexas cabalos, carros e exército máis numeroso ca ti, non lles teñas medo, pois está contigo o Señor, o teu Deus, o que te fixo subir do país de Exipto.

[2]E cando esteades cerca do momento da batalla, aproximarase o sacerdote para lle falar ao exército [3]e diralle: "Escoita, Israel, vós hoxe estades próximos á batalla contra os vosos inimigos. Que a vosa valorosa decisión non se debilite, non teñades medo nin vos alarmedes nin vos amedrentedes coa súa presenza, [4]xa que o Señor, o voso Deus, avanza convosco para facer a guerra ao voso favor contra os vosos inimigos co fin de darvos a vitoria".

[5]Os comisarios falaranlle logo ao exército nestes termos: "Quen é o home que ten construída unha casa nova e aínda non a consagrou coa inauguración? Que vaia e se volva á súa casa, non sexa que morra no combate e outro home a consagre coa inauguración. [6]Quen é o home que ten plantada unha viña e non se aproveitou dela? Que vaia e que se volva á súa casa, non sexa que morra no combate e outro home se aproveite dela. [7]Quen é o home que se prometeu a unha muller e non casou con ela? Que vaia e se volva á súa casa, non sexa que morra na batalla e

**19**, 21 Aquí a lei do talión (Éx **21**, 23-25) ten un contexto moi concreto e unha especial xustificación (cf a súa supresión pola caridade cristiá en Mt **5**, 38ss).
**20**, 2 Na guerra santa o sacerdote proclamaba os oráculos divinos e realizaba os ritos pertinentes, para asegurar a presenza salvadora de Deus na loita.
**20**, 6ss O reconto das tropas populares esixía unha selección: quedaban excluídos os obrigados ao cumprimento dos deberes relixiosos urxentes: a consagración da casa nova; a recolleita dos froitos da viña nova ao quinto ano (os catro primeiros anos, non se podía: Lev **19**, 23); e a vida conxugal, durante un ano (Dt **24**, 5). Tamén se exclúen os que lles teñen medo aos inimigos, xa que a guerra santa é unha vivencia forte de fe, e a fe ten que excluír toda dúbida e medo.

outro home case con ela”. [8]E continuarán os comisarios falándolle ao exército e diranlle: “Quen é o home que ten medo e que se lle debilita a súa valorosa decisión? Que vaia e se volva á súa casa e non faga esmorecer a valorosa decisión de seus irmáns o mesmo ca a súa decisión”. [9]E cando acaben os comisarios de lle falar ao exército, establecerán xefes de exército á fronte da tropa.

### A conquista das cidades na guerra santa

[10]Cando te aproximes a unha cidade para facer a guerra contra ela, bérralle: “Paz!”, [11]e se ela responde: “Paz!” e abre as portas, entón todo o pobo que se atopa dentro dela servirache para traballos forzados e serán escravos teus. [12]Pero se non fai a paz contigo e presenta combate, entón asediarala, [13]pois o Señor, o teu Deus, entregaracha no teu poder e ti matarás todos os seus homes ao fío da espada. [14]Soamente has de saquear para ti as mulleres, os meniños, os animais e todo o que haxa na cidade, todo o seu botín, e comerás o botín dos inimigos que che entregue o Señor, o teu Deus. [15]O mesmo lles has de facer a todas as cidades que están moi lonxe de ti porque non son as cidades destes pobos de aquí. [16]As cidades daqueles pobos que o Señor, o teu Deus, che dea en herdanza son as únicas nas que non deixarás con vida ningún ser vivente: [17]consagrarás á destrución sagrada os hititas, os amorreos, os cananeos, os pericitas, os hivitas e os iebuseos, tal e como cho mandou o Señor, o teu Deus, [18]para que non vos ensinen a obrar segundo todas as abominacións que practican en honra dos seus deuses e deste xeito non pequedes contra o Señor, o voso Deus.

[19]Cando lle poñas cerco a unha cidade durante moitos días, facendo a guerra contra ela co fin de a conquistares, non tallarás as súas árbores a golpes de machado, pois poderás precisar comer delas; por isto non as cortes, son acaso homes as árbores do campo para que sexan sometidas na túa presenza ao asedio? [20]Soamente poderás destruír e tallar a árbore que saibas que non dá froito comestible e faralo para poder construír obra de asedio contra a cidade que está facendo a guerra contigo ata que caia esa cidade.

### Ritual de expiación do sangue vertido por un descoñecido

**21** [1]Se aparecese un home apuñalado na terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar en posesión –un que caeu morto no descampado e non se sabe quen o matou–, [2]sairán os teus anciáns e os teus xuíces e medirán a distancia que hai ás cidades que haxa preto do apuñalado. [3]Verán cal é a cidade máis próxima ao apuñalado e os anciáns desa cidade collerán unha xovenca coa que non se traballou nin se puxo ao xugo; [4]logo os anciáns desa cidade farán baixar a xovenca ata un río de auga perenne, onde non se cultive nin se semente, e descrocarán alí a xovenca no río. [5]Os sacerdotes, fillos de Leví, aproximaranse, pois escolleunos o Señor, o teu Deus, para servilo, para bendicir no Nome do Señor e para que calquera litixio e calquera caso de morte se resolva coa súa declaración; [6]e os anciáns desa cidade, os que están cerca do apuñalado, lavarán as súas mans sobre a xovenca descrocada no río [7]e declararán deste xeito: “As nosas mans non verteron este sangue, os nosos ollos non viron nada. [8]Perdoa o teu pobo Israel, a quen ti redimiches, Señor, e non deixes que o sangue inocente siga estando no medio do teu pobo Israel”. Deste xeito, o sangue vertido quedaralles expiado. [9]Ti aparta do medio de ti o sangue inocente vertido; si, fai o que é recto aos ollos do Señor.

### O matrimonio cunha cativa de guerra

[10]Cando saias á guerra contra o teu inimigo e o Señor, o teu Deus, cho entregue no teu

**20**, 10-15 Distínguese a guerra santa de expansión territorial, onde non hai o exterminio sagrado de toda a poboación, da guerra santa contra os pobos cananeos (vv.15bss), pois o Señor entregou o seu territorio aos israelitas: e os outros teñen que ser exterminados polo perigo de idolatría.
**20**, 19ss O autor non permite a guerra total que practicaban os asirios e que os mesmos israelitas practican (2 Re **3**, 19-25), cortando árbores, cegando pozos, etc. Supón un respecto á vida e unha valoración da natureza, propia dun pobo sedentario.
**21**, 1-9 Este ritual é arcaico, posiblemente de orixe cananea, sendo o factor de iaveización a presenza dos sacerdotes no ritual: o sentido do ritual parece ser este: a morte por descrocadura da xovenca é substituta do asasino descoñecido, e a auga do regueiro é o elemento purificador da responsabilidade do sangue que cae sobre a vila máis próxima, a cal ten de proclamar ritualmente a súa inocencia, ao mesmo tempo pide a Iavé perdón. O v. 9 é de redacción do Dt.
**21**, 10-14 O cambio de vestidos e o rapado do cabelo é expresión do cambio de condición e de vida. Por isto se lle pode permitir o dó polos seus pais durante un mes, pois é unha muller libre, xa que a súa condición social é a condición do seu marido. Tampouco pode ser vendida no caso de repudio, por ser unha muller libre.

poder e o leves cativo, [11]se ves entre os presos unha muller de fermosa figura e atopas compracencia nela e a queres coller como muller, [12]entón farala entrar dentro da túa casa; ela rapará a súa cabeza e axeitará as súas uñas, [13]quitará o vestido da súa escravitude e vivirá na túa casa; logo fará dó por seu pai e por súa nai durante os días dunha lunación e despois disto uniraste a ela, casarás con ela e será a túa muller. [14]Pero se despois resulta que non atopas compracencia nela, déixaa marchar á súa vontade, pero vender non a vendas por diñeiro. Non a maltrates despois de que a posuíches.

### O dereito de primoxenitura

[15]Se un home ten dúas mulleres, unha benquerida e outra desdeñada, e a benquerida e mais a desdeñada lle dan fillos, pero o fillo primoxénito é da desdeñada, [16]o día que reparta toda a súa herdanza, todo o que ten entre os seus fillos, non poderá constituír primoxénito ao fillo da benquerida contra o dereito do fillo da desdeñada, que é o primoxénito,[17]senón que ha recoñecer como primoxénito ao fillo da desdeñada, dándolle parte dobre en todo o que lle pertenza, pois el é a primicia do poder xerador do pai: a el perténcelle o dereito de primoxenitura.

### Pena de morte para o fillo rebelde

[18]Se un home tivese un fillo rebelde e bebedor que nin fai caso de seu pai nin de súa nai, pois aínda que o corrixan non lles fai caso, [19]collerano o seu pai e a súa nai e sacarano fóra perante os anciáns do lugar, ás portas da cidade. [20]Diranlles aos anciáns da súa cidade: "Este fillo noso é un rebelde e un borracho, non nos fai caso, é un comellón e un borracho". [21]Logo apedrarano todos os homes da súa cidade e morrerá. Deste xeito apartarás o mal do medio de ti e todo Israel o escoitará e collerá medo.

### O cadáver colgado dunha árbore

[22]Se un home tivese un pecado castigado coa pena de morte e hai que lle dar morte, colgaralo dunha árbore. [23]O seu cadáver non pasará a noite colgado na árbore, senón que o has de enterrar no mesmo día, pois o colgado é unha maldición de Deus e non debes volver impura a terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar en herdanza.

### Respecto aos bens do próximo

**22** [1]Has de mirar polo boi de teu irmán ou polo seu carneiro extraviados; aínda que ti te queiras ocultar por causa deles, has de llos devolver sen demora a teu irmán. [2]Se teu irmán non está cerca de ti ou ti non o coñeces, recollerás o animal dentro da túa casa e estará contigo ata que teu irmán o busque e entón devolverasllo a el. [3]E o mesmo farás co seu burro, co seu vestido e con calquera obxecto perdido de teu irmán; se se lle perde e ti o atopas, non poderás desentenderte. [4]Si, has de ollar polo burro de teu irmán ou polo seu boi caídos no camiño; aínda que queiras desentenderte deles, has de axudar a teu irmán a levantalos.

### O travestismo

[5]A muller non porá sobre si cousas de home e o home non vestirá vestido de muller, pois todo aquel que fai estas cousas é abominación para o Señor, o teu Deus.

### Outras leis

[6]Se atopas un niño de paxaros diante de ti no camiño, en calquera árbore ou no chan, con paxariños ou con ovos e a nai está acochada sobre os paxariños ou sobre os ovos, non collerás a nai que está sobre os seus fillos. [7]Deixarás escapar a nai e collerás para ti os seus fillos, para que sexas feliz e alongues os teus días.

**21**, 14 *Posuíches*: Outros traducen "humillaches", pero así non ten sentido (Éx **21**, 10; Os **10**, 11).
**21**, 15 *Benquerida... desdeñada*: lit. "amada" e "odiada", que non indican tanto sentimentos, canto preocupación ou despreocupación.
**21**, 17 Os códigos orientais o sumerio, o de Hammurabi e o asirio admiten a igualdade de dereitos de todos os fillos, aínda que sexan de escravas, se son recoñecidos (Hammurabi): esta lei está na mesma liña. O primoxénito considérase en Oriente como algo sagrado, xa que era a primicia dos dons de Deus (cf Éx **13**, 11-16) e a primicia do poder xerador dos pais.
**21**, 18 *Bebedor*: Outros, "desobediente, rebelde".
**21**, 19 *Ás portas da cidade*: cf nota a **17**, 5.
**21**, 22 Este costume tiña por fin dar un escarmento ou deshonrar especialmente, e usábase en Israel (Xos **8**, 29; **10**, 26; 2 Sam **4**, 12), entre os filisteos (1 Sam **31**, 10) e especialmente nas guerras dos asirios. A moderación deste costume ten base relixiosa: o cadáver é algo impuro, que profana a terra e atrae a maldición de Deus (cf o midrax paulino de Gál **3**, 13 sobre a crucifixión de Xesús).
**22**, 5 A razón desta prohibición deben ser as prácticas idolátricas da prostitución sagrada, onde se usaba o travestismo: hai datos moi posteriores da súa existencia en Siria.
**22**, 6-7 A razón desta lei pode ser hixiénica, coma noutras culturas: a ave choca non se pode comer.

[8]Se constrúes unha casa nova, farás unha varanda na azotea; dese xeito non cargarás co sangue vertido na túa casa se morre o que caia dela.
[9]Non has sementar na túa viña dúas cousas; se non, quedará consagrado todo o froito: a semente que sementes e o produto da viña.
[10]Non ares con boi e con burro aparellados.
[11]Non te has vestir con roupa de picote, la e liño xuntos.
[12]Has pór borlas nas catro puntas do manto co que te tapas.

**Delitos contra o matrimonio**

*a. As probas da virxindade*

[13]Se un home casa cunha muller e despois de se unir a ela non a quere [14]e lle atribúe cousas vexatorias, facendo que se estenda contra ela mala sona dicindo: "Casei con esta muller e, cando me acheguei a ela, non atopei nela a virxindade", [15]entón o pai da rapaza e súa nai han coller as probas da virxindade da rapaza e levaranas perante os anciáns da cidade, ás portas da cidade, [16]e o pai da rapaza diralles aos anciáns: "Deille a miña filla a este home como muller, pero el ódiaa [17]e velaí que lle atribúe cousas aldraxantes dicindo: Non atopei na túa filla a virxindade. Pero estas son as probas da virxindade da miña filla". E estenderá o pano diante dos anciáns da cidade. [18]Os anciáns da tal vila arrastrarán ao marido para castigalo, [19]imporanlle unha multa de cen siclos de prata e daranllos ao pai da rapaza, xa que aquel propagou mala sona sobre unha virxe de Israel. Ela será a súa muller, sen que el a poida despedir en todos os días da súa vida. [20]Pero se o asunto este fose verdade e non se atopasen probas de virxindade en favor da rapaza, [21]farán saír a rapaza á porta da casa de seu pai e os homes da cidade apedrarana e morrerá, pois cometeu unha infamia en Israel, entregándose á prostitución na familia de seu pai. Deste xeito apartarás a maldade do medio de ti.

*b. Adulterio de casados*

[22]Se se atopa un home deitado cunha muller casada con outro, morrerán eles os dous: o home que se deita coa muller casada e mais a tal muller. Deste xeito apartarás de Israel a maldade.

*c. Violación dunha prometida*

[23]Se hai unha rapaza virxe prometida en matrimonio a un home e outro home a atopa na cidade e se deita con ela, [24]entón sacaredes os dous ás portas da tal cidade e apedrarédelos e morrerán: a rapaza polo feito de non pedir auxilio na cidade e o home polo feito de se aproveitar da muller do seu próximo. Deste xeito apartarás do medio de ti a maldade. [25]Pero se o home atopase no campo a rapaza prometida en matrimonio e a forzase para deitarse con ela, entón morrerá só o home que se deitou con ela, [26]pero á rapaza non lle farás nada; non é responsable a rapaza de pecado que mereza a morte porque este caso é o mesmo que se un home se ergue contra o seu próximo e lle quita a vida, [27]pois foi no campo onde a atopou: a rapaza prometida pediu auxilio, pero non houbo quen a axudase.

*d. Violación dunha virxe non prometida*

[28]Se un home atopa unha rapaza virxe que aínda non se prometeu e se apodera dela e dorme con ela, pero son sorprendidos, [29]entón o home que se deitou con ela daralle ao pai da rapaza cincuenta siclos de prata e ela será muller del despois que a posuíu. Non poderá este despedila en todos os seus días.

*e. Incesto*

**23** [1]Un home non pode casar cunha muller do pai nin poderá retirar a punta do manto de seu pai.

**22**, 8 Casos similares de culpabilidades por imprudencia no código de Hammurabi; os modernos códigos penais seguen esta tradición semítica.
**22**, 9 Sobre o froito da viña, cf nota a **20**, 6ss.
**22**, 11 Estas mesturas de cousas estrañas estaban prohibidas por razóns máxicas, que non coñecemos ao detalle.
**22**, 12 *As borlas nas catro puntas* foron un costume diferencial externo: os cananeos usábanas con fitas por toda a beira. O código sacerdotal deulles a estes costumes significados simbólicos artificiais (cf Núm **15**, 37-41).
**22**, 15 *As probas de virxindade* eran as roupas da primeira noite de vodas manchadas de sangue, que os pais conservaban con coidado e eran admitidas como proba xurídica (cf Éx **20**, 26).
**22**, 19 *Os cen siclos* (unidades de peso-ouro) eran o dobre da indemnización pola violación dunha virxe non prometida (v. 29). O castigo non é o mesmo que se propón en Dt **19**, 15-21. Quizais o caso considérase distinto na estimación xurídica dos intereses da muller.
**22**, 22 Nótese que a pena é igual para os dous.
**23**, 1 *Retirar a punta do manto* é o contrario de «estender a punta do manto» que significa "casar", no sentido de protexer, acoller baixo a protección de: cf Rut **3**, 9; Ez **16**, 8): por isto retirar a punta do manto é ofender os dereitos matrimoniais.

### Persoas excluídas da asemblea de culto

[2]O castrado por esmagamento e o que ten o pene cortado non entrarán na asemblea do Señor. [3]O bastardo non entrará na asemblea do Señor; aínda que sexa a súa décima xeración, non entrará na asemblea do Señor. [4]O amonita e mais o moabita non entrarán na asemblea do Señor; aínda que sexa a décima xeración, non entrará na asemblea do Señor endexamais, [5]polo feito de que non vos saíron ao encontro no voso camiño con pan e auga cando saístes de Exipto e polo feito de que alugaron contra ti a Balaam, fillo de Beor, natural de Petor, en Mesopotamia, para maldicirte. [6]Pero o Señor, o teu Deus, non quixo facerlle caso a Balaam e o Señor, o teu Deus, cambiou no teu favor a maldición en bendición, pois queríate o Señor, o teu Deus. [7]Non procures a súa fartura nin a súa prosperidade durante todos os teus días, xamais.

[8]Non consideres abominable o edomita, pois é teu irmán. Non consideres abominable o exipcio, pois ti fuches emigrante no seu país. [9]Os fillos que lles nazan na terceira xeración entrarán na asemblea do Señor.

### Pureza do campamento militar

[10]Cando saias de acampada na loita contra os teus inimigos, gárdate ben de calquera cousa mala. [11]Se algún home dos teus non está puro por mor dalgún incidente nocturno, que saia do campamento: non poderá entrar no campamento. [12]Á caída da tarde lavarase con auga e ao pórse o sol poderá entrar no campamento. [13]Mexarás fóra do campamento e sairás fóra tamén a defecar. [14]Co teu equipamento terás unha estaca e cando te vaias anicar para defecar, cavarás con ela, anicaraste e logo taparás o teu excremento, [15]pois o Señor, o teu Deus, anda camiñando polo medio do teu campamento para salvarte e para entregarche á túa disposición os teus inimigos. Por isto o teu campamento estará consagrado, de xeito que o Señor non vexa en ti cousa de que avergonzarse e non deixe de seguir estando detrás de ti.

### O servo fuxitivo

[16]Non entregues ao seu amo o servo que escapou de par del para onda ti; [17]contigo vivirá no medio de ti, no lugar que escolla nunha das túas cidades, onde estea feliz. Non o oprimirás.

### A prostitución sagrada

[18]Non haberá prostituta sagrada entre as fillas de Israel nin prostituto sagrado entre os fillos de Israel. [19]Non entrará na casa do Señor, o teu Deus, salario de prostituta sacra nin paga de prostituto sacro para cumprir calquera promesa, pois tanto o un coma a outra son abominación para o Señor, o teu Deus.

### Préstamo con rédito

[20]Non lle prestes con rédito a teu irmán: nin empréstito de cartos, nin de comida, nin de calquera cousa que se poida emprestar. [21]Ao estranxeiro prestaraslle con xuros; a teu irmán non lle podes emprestar con xuros, para que o Señor, o teu Deus, te bendiga en todas as túas empresas, no país onde vas entrar a tomar posesión del.

### O cumprimento dos votos

[22]Cando fagas un voto ao Señor, o teu Deus, non demores en cumprilo, porque o Señor, o teu Deus, reclamaracho a ti e será un pecado para ti. [23]Pero se deixas de facer votos, non será pecado para ti. [24]Vixía o que sae dos teus labios, para o poñeres en práctica tal e como llo prometiches ao Señor, o teu Deus, en ofrenda espontánea que pronunciaches coa túa boca.

### A comida do descoñecido que pasa

[25]Cando entres na viña do teu próximo, come uvas. Si, farta a túa gorxa! Pero non

**23**, 3 O termo "bastardo" (heb. "mamzer") aplícase aos fillos de nai xentil. Is **56**, 3-7 oponse á exclusión do bastardo da asemblea de Israel.
**23**, 5 Cf Núm **22-24**.
**23**, 7 Cf Os **2**, 2.
**23**, 8 Os feitos da antiga historia condicionan a postura xurídico-relixiosa de Israel ante os pagáns.
**23**, 10-15 Este texto forma parte do ritual da guerra santa: o motivo de todas estas normas é a presenza de Iavé no campamento.
**23**, 11 Refírese á polución nocturna, que se considera maculante, por mor do sentido sacro que tiña a transmisión da vida entre os semitas.
**23**, 19 *Prostituto sacro* (lit. "can fiel a Baal"). Non ten por que ter sentido negativo, senón que puido expresar orixinalmente a fidelidade. O xudaísmo usou este termo para desprezar os pagáns (cf Mt **15**, 26-27). En Flp úsase para cualificar a certos inimigos da Igrexa; e en Ap **22**, 15 o contexto é moi semellante ao de Dt **23**, 19.
**23**, 25ss O texto codifica antigos costumes da hospitalidade oriental dentro de marxes razoables que se manteñen ata hoxe.

poñas nada na túa cesta. [26]Cando entres nos eidos do teu próximo, podes arrincar espigas coa túa man, pero a fouce non a movas no pan do teu próximo.

### Prohibición de volver casar coa mesma muller que se repudiou

**24** [1]Se un home colle muller e casa con ela, pero logo se ela non atopa amor aos seus ollos, xa que el encontrou nela cousas que o fan avergonzarse, entón escribiralle o documento de repudio e entregarallo na man botándoa da casa. [2]Entón se ela sae da casa del e vai e volve ser muller doutro home,[3]se estoutro home non a quere e lle escribe o documento de repudio entregándollo na man e despedíndoa da casa, ou se morre estoutro home que casou coa muller, [4]o primeiro marido, o que a despediu, non poderá volver collela para que sexa a súa muller despois de que ela se volveu impura. Si, isto sería unha abominación na presenza do Señor e non podes poñer en pecado o país que o Señor, o teu Deus, che vai dar en herdanza.

### Leis de protección social

[5]Se un home hai pouco que casou coa muller, non sairá co exército nin irá á casa del por calquera cousa; estará libre durante un ano na súa casa e gozará coa muller coa que casou.

[6]Non se collerán como fianza as dúas pedras do muíño, e nin sequera a moa, pois colleríase en fianza unha vida.

[7]Se acontece que un home secuestra a outro de seus irmáns entre os fillos de Israel e o vende despois de maltratalo, o secuestrador ha morrer. Deste xeito retirarás a maldade do medio de ti.

[8]Precavédevos das chagas da lepra, poñendo moita atención e cumprindo todo o que vos ensinen os sacerdotes levitas. Estade atentos a facer tal e como eu llelo mandei. [9]Lembrádevos do que o Señor, o teu Deus, lle fixo a María polo camiño, cando saístes de Exipto.

[10]Cando lle emprestes ao teu próximo calquera cousa, non entres na súa casa a collerlle fianza: [11]has de esperalo fóra e que o home a quen ti lle emprestaches che saque a fianza fóra. [12]Se fose un pobre, non te deites na súa fianza: [13]haslle devolver a fianza ao pórse o sol e deste xeito deitarase cuberto co seu manto e bendicirate e ti terás na presenza do Señor, o teu Deus, unha obra xusta.

[14]Non explotarás o xornaleiro, oprimido e pobre, sexa un dos teus irmáns ou un dos emigrantes que hai no teu país, nas portas das túas cidades. [15]No seu día entregaraslle o seu xornal, de xeito que non se poña o sol sobre ese xornal, pois el é un oprimido e está anhelando o seu xornal; non sexa que chame ao Señor contra ti e o feito che sexa pecado.

[16]Non se condenará a morte os pais por culpa dos fillos, nin se condenará a morte os fillos por culpa dos pais: condenarase a morte a cada un polo seu pecado.

### Leis en favor dos pobres

[17]Non estorbarás o xusto xuízo do emigrante nin do orfo, nin collas en fianza o vestido dunha viúva. [18]Lémbrate de que fuches servo en Exipto e de que o Señor, o teu Deus, te rescatou de alí. Por isto eu che mando que poñas en obra esta lei.

[19]Se segas a túa anada no teu campo e esqueces un monllo, non deas a volta para collelo: será para o emigrante, para o orfo e para a viúva co fin de que o Señor, o teu Deus, te bendiga en todas as obras da túa man. [20]Se vareas a túa oliveira, non varees de segundas as ramas verdes: o que quede será para o emigrante, para o orfo e para a

**24**, 4 É o que contén a lei: a muller repudiada é impura para o primeiro marido; os cualificativos que se lle dan a esa impureza aparecen en Lev **18**, 20 e Núm **5**, 13-19 referidos ao adulterio. Este era un costume xeral, pois Xer **3**, 1 alude a el sen explicalo nada. Quizais fose un costume cananeo que o Corán tamén conservou (II: 230).

**24**, 5 Cf **20**, 7 e a nota.

**24**, 7 O castigo do secuestro e venda de cidadáns debía ser moi frecuente, xa que o tratou o código de Hammurabi e o hitita.

**24**, 8-9 Da fraseoloxía propia do Dt: exhortación á obediencia aos fillos dos levitas, alusións á historia do Éxodo con aplicacións parenéticas.

**24**, 6 e 10ss Non se poden coller como fianza cousas que poñen en perigo a vida do acredor, tales coma as pedras do muíño da casa (o pan preparábase cada día) e o manto co que se tapa de noite para durmir; o mesmo se dirá do xornal (cf Lev **19**, 13 e St **5**, 4). O pecado está no feito inxusto e na maldición que se pide a Deus (v. 15).

**24**, 15 *Anhelando*: lit. "levantando o seu 'néfex'" (anhela, garganta...).

**24**, 16 A formulación desta importante lei non é do autor do Dt senón anterior; supón un forte progreso fronte ao sentido de responsabilidade familiar, e a consideración do fillo como propiedade do pai. Xer **30**, 29-30; Ez **14**, 12-20; **18**, 10-20; **24**, 17 van insistir neste mesmo sentido a propósito do exilio.

viúva. [21]Se vendimas a túa viña, non rebusques de segundas: o rebusco será para o emigrante, para o orfo e mais para a viúva. [22]Así lembraraste de que fuches servo no país de Exipto. Por isto eu che mando que poñas en obra esta lei.

**25** [1]Cando haxa un preito entre dous homes, hanse presentar ao tribunal dos xuíces que os han xulgar e declararán xusto o inocente e condenarán o culpable. [2]Se o xuíz decreta castigar con golpes o culpable, farao azoutar na súa presenza en número proporcional á culpabilidade. [3]Poderá castigalo con corenta azoutes, nada máis, non sexa que o continúen azoutando por enriba deste número e a ferida sexa excesiva e teu irmán quede humillado na túa presenza.

[4]Non lle porás bozo ao boi cando trille.

### A lei do levirato

[5]Se dous irmáns viven xuntos e morre un deles sen fillos, a muller do defunto non será para un home alleo, non sairá para fóra da familia; o seu cuñado irá xunto dela e colleraa como muller súa e cumprirá con ela o seu deber de cuñado. [6]O primoxénito que ela dea a luz constituirao el á fronte da familia de seu irmán defunto; deste xeito a familia deste non desaparecerá de Israel.

[7]Pero se ao home non lle gusta casar coa cuñada, a cuñada subirá ás portas da cidade onda os anciáns e declarará: "O meu cuñado rexeita a seu irmán, a súa familia en Israel, non quere cumprir no meu favor os seus deberes de cuñado". [8]Os anciáns da cidade citarano e diranllo; el comparecerá e se lles di: "Non quero collela", [9]entón a súa cuñada acercarase a el en presenza dos anciáns e desamalloaralle a sandalia do seu pé, cuspiralle na cara e logo tomará ela a palabra e dirá: "Así se lle fai ao home que non quere construír a casa de seu irmán". [10]A súa familia chamarase en Israel: "A casa do da sandalia desamalloada".

### Golpe prohibido nas liortas

[11]Se dous homes pelexan, un e mais o seu irmán, e a muller dun deles se arrima para librar o seu marido da man de quen o está batendo, se ela mete a súa man e agarra forte o outro polas súas vergonzas, [12]entón cortaraslle a ela a man; os teus ollos non terán compaixón.

### Legalidade no comercio

[13]Non terás no teu saco dúas pesas de pedra distintas: unha máis grande e outra máis pequena. [14]Non terás na túa casa dous ferrados distintos: un grande e outro pequeno. [15]Has ter pesas de bo peso e trato xusto; has ter ferrado de boa medida e trato xusto para que se multipliquen os teus días sobre a terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar. [16]Pois todo aquel que fai estas cousas, todo o que comete inxustiza, é unha abominación para o Señor, o teu Deus.

### Contra os amalequitas

[17]Lémbrate do que che fixo Amaleq no camiño, cando saístes de Exipto: [18]de como che saíu ao encontro polo camiño e de como te atacou por detrás, a ti e a todos os que viñan cansos detrás de ti, pois ti estabas fatigado e esmorecendo; non lle tivo ningún respecto a Deus. [19]Por iso, cando o Señor, o teu Deus, che permita descansar de todos os inimigos que hai ao teu arredor, na terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar en herdanza para que tomes posesión dela, has borrar a lembranza de Amaleq de debaixo do ceo. Non te esquezas!

**25**, 4 Preocupación polos animais (cf **22**, 4. 6. 10). Este v. está na base dun midrax sobre o salario do predicador do Evanxeo en 1 Cor **9**, 9 e 1 Tim **5**, 18. Ela é a que desata, a que libra do dereito ao seu cuñado; pero ao mesmo tempo queda co dereito de elixir o levir.
O mesmo sentido que en Dt e Rut pode ter a frase do Bautista en Mc **1**, 7 e paral. de Xn **1**, 27.
**25**, 5-6 Estes vv. conteñen a formulación do levirato, lei moi antiga, recollida xa en Xén **38**, 8-10 (cf nota a Rut **1**, 11).
**25**, 7-10 Neste caso trátase do ritual do home ao que non lle gusta a cuñada: non está obrigado a cumprir co seu deber, pois sería meterse a lei en tema moi persoal e íntimo. Pero o ritual legal fai que a viúva lle desamalloe *a sandalia* (=busque a súa liberdade de escoller *levir*); cóspelle na cara, humillándoo e denigrando a súa familia ou casa. A viúva non pode quedar privada do dereito a fundar a súa familia, nin dos bens do seu marido xurídico (o primeiro).
**25**, 12 Trátase da única lei do A. T. onde se prescribe a mutilación, frecuente nos códigos de Hammurabi e Asirio; a razón da mutilación é a concepción sacra que rodeaba os órganos masculinos da xeración, como fonte de vida.
**25**, 14-15 *Ferrado* quere traducir a medida do *"efah"* (=uns 40 l de capacidade de cereais). Non soamente esixe a lei pesas e medidas xustas, senón trato xusto, honrado. Este tema fora central nos profetas do s. VIII (Am, Os, Is e Miq).
**25**, 17ss Cf Éx **17**, 8-16; Núm **24**, 20; 1 Sam **15**, 2-3.

**26** [1]Cando entres no país que o Señor, o teu Deus, che vai dar en herdanza e tomes posesión del e vivas xa alí, [2]has coller parte das primicias de todos os froitos do campo que colectares da terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar. Poralas nunha cesta e irás ao santuario que o Señor, o teu Deus, escolla para morar alí o seu Nome. [3]Irás onda o sacerdote que estea de servizo aqueles días e diraslle: "Declárolle hoxe ao Señor, o meu Deus, que xa entrei no país que o Señor lles prometeu con xuramentos a nosos pais dárnolo a nós". [4]O sacerdote collerá a cesta da túa man e poraa diante do altar do Señor, o teu Deus. [5]Entón ti tomarás a palabra e dirás diante do Señor, o teu Deus: "Meu pai era un arameo errante que baixou a Exipto, onde residiu como emigrante con pouquiña xente que o acompañaba. Alí converteuse nun pobo grande, poderoso e numeroso. [6]Pero os exipcios maltratáronnos, oprimíronnos e impuxéronnos cruel servidume. [7]Entón chamamos polo Señor, Deus de nosos pais, e o Señor escoitou o noso clamor e viu a nosa opresión e o noso duro traballo. [8]Logo o Señor fíxonos saír de Exipto con man forte e brazo estendido, con gran terror, con sinais e con feitos marabillosos, [9]e fíxonos entrar neste lugar e entregounos esta terra, terra que deita leite e mel. [10]Por isto, velaí que agora eu trouxen as primicias dos froitos da terra que ti me deches, Señor". Poralas na presenza do Señor, o teu Deus, prostraraste na presenza do Señor, o teu Deus, [11]e farás festa por todo o ben que che concedeu o Señor, o teu Deus, ti e mais o levita e o emigrante que viven contigo.

### O ritual do décimo do terceiro ano: profesión de obediencia

[12]Cando remates de repartir todo o décimo das túas colleitas no ano terceiro, isto é, o ano do décimo, e llelo teñas xa dado ao levita, ao emigrante, ao orfo e mais á viúva para que coman nas túas cidades ata se fartaren, [13]entón dirás na presenza do Señor, o teu Deus: "Xa retirei da miña casa o que tiña que consagrar e xa llelo dei ao levita, ao emigrante, ao orfo e mais á viúva, todo conforme o mandamento que ti me mandaches; non quebrantei o teu precepto nin o esquecín. [14]Non o comín estando en dó ritual nin o separei estando impuro nin llo ofrendei a Mot. Fíxenlle caso á voz do Señor, o meu Deus, e comporteime en todo tal e como ti mo mandaches. [15]Mira, pois, desde a túa santa morada, desde o ceo, e bendí o teu pobo, Israel, e a terra de cultivo que nos deches, tal e como llelo xuraches a nosos pais, unha terra que deita leite e mel".

### A observancia do Código deuteronómico e a autenticidade da Alianza

[16]Hoxe o Señor, o teu Deus, mándache pór en obra estes preceptos e decretos. Gárdaos e ponos en obra con todo o teu corazón e con toda a túa ilusión. [17]Ti hoxe fixéchesslle dicir ao Señor que El sería o teu Deus e que ti camiñarías polos seus vieiros, que gardarías os seus preceptos, os seus mandamentos e os seus decretos e que escoitarías a súa voz. [18]E hoxe o Señor fíxoche dicir a ti que serías o pobo da súa persoal propiedade, tal e como cho prometera; e que gardarías os seus mandamentos e que El te convertería en gloria, en renome e en esplendor no máis grande de todos os pobos que El creou e que serías o pobo consagrado ao Señor, o teu Deus, tal e como cho dixo.

**26**, 1-11 A ofrenda das primicias está mandada nos dous códigos máis antigos (o de Éx **34**, 18-23 e o de Éx **23**, 14-19). Foi unha festa de orixe cananea, de agradecemento e recoñecemento ao deus da chuvia e da colleita, Baal. Nos devanditos códigos "iaveízase", e no ritual do Dt **26** non é tanto unha festa de acción de grazas, canto unha profesión de fe nas manifestacións históricas de Iavé: orixe humilde, bendición de Deus, opresión, clamor, liberación para entrar neste santuario e entrega da terra: a ida ao santuario coas primicias é un recordo ritual da entrada no santuario antes de tomar posesión da terra. Tráense os froitos da terra, que é de Deus, para ritualizar esta pertenza da terra ao Señor, e a entrega que El fixo ao seu pobo.
**26**, 9 Trátase do santuario de Xequem, o santuario central do Dt.
**26**, 12ss Cf Dt **14**, 28-29. Non obstante o repartimento dos bens aos pobres na cidade do individuo, este ten que ir ao santuario central, celebrar a ritualización do cumprimento desta lei: ten de proclamar o cumprimento da mesma pura obediencia ao mandato do Señor. Por isto conclúe pedíndolle ao Señor a bendición sobre Israel e sobre as terras de cultivo.
"No ano terceiro..." suposta a división do templo en períodos de sete anos: seis de colleitas e un de descanso, o ano terceiro do século seguinte é o ano décimo do ciclo anterior.
**26**, 14 O que participa na celebración do décimo do terceiro ano proclama que o seu décimo non foi empregado en prácticas idolátricas de culto ao deus Mot (ler *Mot* = Morte, en vez de *Met*, como len outros).

## III. O SANTUARIO CENTRAL E A LITURXIA DA ALIANZA

### As pedras caleadas para escribir a Lei e o altar dos sacrificios en Xequem

**27** [1]Moisés e mais os anciáns de Israel deron ordes ao pobo nestes termos:

–Gardade todos os mandamentos que eu vos mando hoxe. [2]O día que crucedes o Xordán camiño do país que o Señor, o teu Deus, che vai dar, erguerás pedras grandes e recubriralas con cal [3]e logo escribirás sobre elas todas as formulacións desta lei, ao cruzares para entrares no país que o Señor, o teu Deus, che vai dar, país que deita leite e mel, tal e como cho dixo o Señor, Deus de teus pais. [4]Cando crucedes o Xordán, erguieredes no monte Ebal esas pedras que eu vos diga e revocarédelas con cal. [5]Construirás alí un altar en honra do Señor, o teu Deus, un altar de pedras que non labrarás co cicel. [6]Pedras enteiras construirán o altar do Señor, o teu Deus, sobre o que lle ofrendarás holocaustos ao Señor, o teu Deus. [7]Sacrificarás sobre el o sacrificio de comuñón e ti comerás alí e alegraraste na presenza do Señor, o teu Deus. [8]Sobre as pedras escribirás todas as formulacións desta lei, escribiralas clara e esteticamente.

[9]Moisés e mais os sacerdotes levitas faláronlle a todo Israel nestes termos:

–Garda silencio e escoita, Israel: No día de hoxe quedaches convertido nun pobo para o Señor, o teu Deus. [10]Por isto has escoitar a voz do Señor, o teu Deus, e has pór en práctica os seus mandamentos e mais os seus preceptos que eu che mando hoxe.

### As maldicións

[11]Ese día Moisés mandoulle ao pobo isto:

[12]–Estes son os que han estar de pé no monte Garizim para bendicir o pobo cando crucedes o Xordán: Simeón, Leví, Xudá, Isacar, Xosé e Benxamín. [13]Estes son os que han estar de pé no monte Ebal, por mor da maldición: Rubén, Gad, Axer, Zebulón, Dan e Naftalí.

[14]Os levitas collerán a palabra e diranlles a todos os homes de Israel en voz alta:

[15]Maldito sexa o home que faga un ídolo e unha imaxe de fundición –abominación para o Señor, obra das mans dun artista– e o poña en lugar escondido.

E todo o pobo collerá a palabra e dirá: Amén.

[16]Maldito sexa quen desprece a seu pai e a súa nai.

E todo o pobo dirá: Amén.

[17]Maldito sexa quen lle dea para atrás ao marco do seu veciño.

E todo o pobo dirá: Amén.

[18]Maldito sexa quen faga desviarse un cego do seu camiño.

E todo o pobo dirá: Amén.

[19]Maldito sexa quen torza o dereito do emigrante, do orfo e da viúva.

E todo o pobo dirá: Amén.

[20]Maldito sexa quen se deite coa muller de seu pai, pois destapou un lenzo do mantón de seu pai.

E todo o pobo dirá: Amén.

[21]Maldito sexa quen se deite cun animal calquera.

E todo o pobo dirá: Amén.

[22]Maldito sexa quen se deite coa súa media irmá, filla do pai ou da nai.

E todo o pobo dirá: Amén.

[23]Maldito sexa quen se deite con súa sogra.

E todo o pobo dirá: Amén.

**27**, 1ss Os dous discursos do comezo do libro e o mesmo código deuteronómico presentado como parte do segundo discurso, son a preparación desta sección final. O elemento básico desta liturxia é a formulación da Lei, pois no Sinaí o Señor non se deixou ver, senón que fixo oír as súas palabras.

**27**, 4 *O monte Ebal* (monte da maldición –v. 13–, por mor da súa posición á esquerda) era o lugar do santuario máis antigo, e por iso pode ser a lectura orixinal, e non Garizim como le o texto *samaritano*.

**27**, 5 *O altar* era elemento central do santuario, e ten de construírse segundo a lei de Éx **20**, 25. O altar é para os sacrificios, e loxicamente constitúe o lugar (=santuario) que o Señor escolleu para pór alí o seu Nome, o santuario central (cf Introdución, 3).

**27**, 9 *Moisés* é aquí un elemento clarificador da autoridade coa que actúan os sacerdotes levitas. O *hoxe* ten todo o valor dunha actualización litúrxica.

**27**, 11-13 A separación das tribos en dúas partes ten unha función de representación litúrxica da bendición e da maldición. Nótese que tamén aparece Xudá, por puras motivacións teolóxicas, ao pertencer ao pobo de Israel.

**27**, 15-26 Esta lista de maldicións contén preceptos morais, xa que se refire a actos ocultos. O pobo responde aos levitas cun Amén de aceptación da maldición sobre si mesmo. Estes ritos en forma de diálogo eran esenciais na liturxia da Alianza (cf Xos **24**, 14-24; 1 Sam **12**, 3-5). As bendicións e maldicións non eran soamente palabras, senón realidades vivas, que a palabra desencadeaba sobre calquera, de forma que o home nada podía facer (cf Xén **27**, 33-40). Eran usuais no Medio Oriente para obrigar ao contrario; dependían da obediencia ou desobediencia aos compromisos da Alianza.

[24]Maldito sexa quen mate o seu veciño en
secreto.
E todo o pobo dirá: Amén.
[25]Maldito sexa quen colla un regalo para
matar a aspiración dunha vida inocente.
E todo o pobo dirá: Amén.
[26]Maldito sexa quen non manteña as for-
mulacións desta lei para polas por obra.
E todo o pobo dirá: Amén.

### Bendicións e maldicións

**28** [1]Se escoitas con actitude de obediencia
a voz do Señor, o teu Deus, gardando
e pondo en obra todos os seus mandamen-
tos que eu mando hoxe, o Señor, o teu Deus,
converterate no máis grande de todos os po-
bos da terra. [2]E todas estas bendicións que
seguen virán sobre ti e chegaranche a ti, xa
que lle fas caso á voz do Señor, o teu Deus:
[3]Benia ti na cidade e benia ti no campo.
[4]Benia o froito do teu ventre,
o froito da túa terra e o froito do teu gando,
o parto das túas vacas e as crías das túas
ovellas.
[5]Benia a túa cesta e mais a túa artesa.
[6]Benia ti cando entres e benia ti cando
saias.
[7]Os teus inimigos que contra ti se levanten
converteraos o Señor en derrotados na túa
presenza: por un só vieiro saíron contra ti e
por sete vieiros escaparán. [8]O Señor ordenará
que a bendición estea contigo nas túas arcas
e nas empresas da túa man. El bendicirate
no país que o Señor, o teu Deus, che vai dar.
[9]Constituirate o Señor nun pobo consagrado
a El, tal como cho xurou, se ti cumpres os
mandamentos do Señor, o teu Deus, e camiñas polos seus vieiros. [10]Entón todos os po-
bos da terra verán que o nome do Señor se
invoca sobre ti e teranche medo. [11]O Señor
concederache ter bens de abondo: froitos do
teu ventre, froitos do teu gando e froitos da
túa terra cando esteas na terra que o Señor
lles xurou a teus pais que che daría.
[12]O Señor abrirá no teu favor o seu precio-
so tesouro do ceo, mandando ao seu tempo
a chuvia que precisa o teu país e bendicindo
calquera obra da túa man, de xeito que ti lles
emprestes a populosas nacións, mentres que
ti non precisarás pedir prestado.
[13]O Señor porate á cabeza e non ao rabo,
estarás sempre arriba e non abaixo, se lles fas
caso aos mandamentos do Señor, o teu Deus,
que hoxe che mando gardar e pór en práctica
[14]e se non te desvías cara á dereita nin cara
á esquerda de ningunha destas disposicións
que eu vos mando hoxe, camiñando tras deu-
ses alleos e dándolles culto.
[15]Pero se non lle fas caso á voz do Señor, o
teu Deus, poñendo coidado en cumprir todos
os seus mandamentos e preceptos que eu che
mando hoxe, entón todas estas maldicións vi-
rán enriba de ti e afectaranche:
[16]Maldito sexas ti na cidade e maldito se-
xas ti no campo.
[17]Maldito sexa o teu cesto e mais a túa ar-
tesa.
[18]Maldito sexa o froito do teu ventre
e o froito da túa terra e do teu gando.
[19]Maldito sexas ao entrares e maldito ao
saíres.
[20]Que o Señor mande contra ti a maldición,
a derrota e o castigo en todas as empresas da
túa man ata seres destruído e desapareceres,
por causa da maldade dos feitos cos que me
abandonaches.
[21]Que o Señor che apegue a peste ata fa-
certe desaparecer de sobre a terra na que ti
entraches para tomala en posesión. [22]O Señor
ferirate coa tise, con febres, con flegmóns,
con queimaduras, e coa seca, coa peste do
cornizó e da mera, que te perseguirán ata que
desaparezas.
[23]O ceo que está sobre a túa cabeza vol-
verase bronce e a terra que está debaixo de
ti volverase ferro. [24]O Señor mandará como
chuvia para a túa terra, po; e cinsa baixará do
ceo sobre ti ata que te destrúa.
[25]O Señor fará de ti un vencido diante dos
teus inimigos; sairás contra eles por un só ca-
miño, pero terás que fuxir da súa presenza
por sete camiños. Volveraste o obxecto da
aldraxe de todos os reinos da terra. [26]E o teu
cadáver servirá de carnaza para todas as aves
do ceo e mais para os bechos da terra e non
haberá quen os espante.

**27**, 25 *Matar a aspiración*: lit. “ferir o néfex” (= respiración, anhelo, aspiración) dun sangue (=vida) inocente.
**28**, 3-13 Estas bendicións limítanse a un plan de prosperidade material individual e nacional, mentres que as do Lev **26**, 3-13 teñen unha intencionalidade máis espiritual.
**28**, 4 *Crías* (=axterot), filoloxicamente provén do nome da deusa asiria, precedente da grega Afrodita e da romana Venus.
**28**, 10 Invocar o nome dalgúns sobre algo ou algún é unha fórmula xurídica que expresa pertenza ao que é invocado (cf Xén **2**, 20-21; 2 Sam **12**, 28; Is **4**, 1).
**28**, 19 O merismo de ‘entrar-saír’ indica a totalidade das actividades da persoa.
**28**, 22 *O cornizó* do centeo era unha peste polo sabor amargo que lle dá ao pan e polos efectos abortivos na persoa que o consome.

[27]O Señor ferirate coas úlceras de Exipto
e cos tumores, coa sarna e coa tiña, das que
non che será posible curar. [28]O Señor ferirate
coa loucura, coa cegueira e co desvarío da
túa mente. [29]Á luz do mediodía terás que an-
dar ás apalpadelas, como anda ás apalpadelas
o cego na escuridade, e non poderás dar re-
mate aos teus camiñares. Todos os días certo
que serás maltratado e roubado e non haberá
quen te salve.
[30]Casarás cunha muller e outro home vio-
laraa; construirás unha casa e non habitarás
nela; plantarás unha viña e non collerás os
primeiros froitos. [31]O teu boi será degolado
aos teus ollos e ti non comerás del; o teu bu-
rro serache roubado na túa mesma presenza
e non volverá onda ti; o teu rabaño será en-
tregado aos teus inimigos e ti non terás quen
te salve.
[32]Os teus fillos e as túas fillas serán entre-
gados a un exército estranxeiro; os teus ollos
estarán véndoo, consumiranse de ollar para
eles todo o día, pero nada estará no poder
da túa man. [33]Os froitos da túa terra e todo
o produto do teu traballo comerao un pobo
que ti non coñecías. Ti non serás máis ca un
oprimido e un esmagado para sempre. [34]Si,
ti volveraste louco co que aparecerá ante os
teus ollos, cando ti o vexas.
[35]O Señor ferirate nos xeonllos e nas co-
xas cuns furunchos malignos que non serás
quen de curar, desde a planta do teu pé ata
o curuto.
[36]O Señor farate marchar a ti e ao rei que
ti constituíches sobre ti, xunto a un pobo que
non coñecías nin ti nin teus pais e terás que
darlles culto alí a deuses estranxeiros de pau
e madeira! [37]Ti volveraste o asombro, o es-
carnio e o riso de todos os pobos a onde o
Señor te conduza.
[38]Botarás moita semente no campo, pero
pouco apañarás porque a comerá o saltón.
[39]Plantarás viñas e traballaralas, pero o viño
non o beberás nin o vendimarás porque o co-
merá o pedreiro. [40]Terás oliveiras no teu terri-
torio, pero con aceite non te unxirás porque
as túas olivas caerán no chan. [41]Enxendrarás
fillos e fillas, pero non os terás contigo por-
que marcharán á catividade. [42]Todas as túas
árbores e os froitos da túa terra recibiranos
en herdanza os insectos.

[43]Os emigrantes que hai no medio de ti su-
birán máis ca ti, cada vez máis arriba, men-
tres ti baixarás cada vez máis abaixo. [44]Eles
emprestaranche a ti e ti non lles poderás em-
prestar a eles, eles servirán de cabeza e ti de
rabo.
[45]Todas estas maldicións virán contra ti,
perseguirante e afectarante ata seres exter-
minado, xa que non lle fixeches caso á voz
do Señor, o teu Deus, gardando os manda-
mentos e os preceptos que El che mandou.
[46]Estas maldicións quedarán de sinal e de
prodixio en ti e na túa descendencia para
sempre.
[47]Xa que non serviches ao Señor, o teu
Deus, con alegría e coa felicidade do cora-
zón, por causa da abundancia en todo, [48]ser-
virás aos teus inimigos, onde o Señor te man-
de –na fame, na sede, na nudez e na privación
de todo–, e El porache un xugo de ferro no
teu pescozo ata acabar contigo. [49]Como unha
aguia levanta o voo, así levantará o Señor
contra ti un pobo que vén de lonxe, desde o
cabo da terra, un pobo do que ti non oíras
a lingua, [50]un pobo de rostro duro, que non
lle ten respecto ao ancián nin ten compaixón
do neno. [51]Comerá o froito do teu gando e
o froito da túa terra, ata que ti desaparezas,
porque non che deixará trigo, nin mosto, nin
aceite novo, nin os partos das túas vacas, nin
as crías do teu rabaño ata facerte desaparecer.
[52]Asediarate por todas as portas das túas
cidades, ata botar abaixo as murallas altas e
inaccesibles nas que ti poñías a túa seguridade
en todo o teu país. Si, asediarate por todas
as portas das cidades que hai no teu país, que
o Señor, o teu Deus, che deu.
[53]Terás que comer o froito do teu ventre,
a carne dos teus fillos e das túas fillas que
o Señor, o teu Deus, che deu, cando sexa o
asedio e a opresión coa que te oprimirá o teu
inimigo. [54]O ollo do home máis delicado e
máis elegante que hai en ti mirará con degaro
para seu irmán, para a muller do seu seo e
para o resto do seu fillo, que deixa sobrante,
[55]para non ter que compartir con eles a parte
da carne do propio fillo que está comendo,
non sexa que non lle quede todo para el can-
do veñan o asedio e a opresión, coa que o
teu inimigo te oprimirá en todas as portas das
túas cidades.

**28**, 30 Cf Is **61**, 8-9; Am **5**, 11; Miq **6**, 15; cf nota a Dt **20**, 5ss.
**28**, 32-37 Estes vv. parecen ser un engadido posterior ao feito, ante a experiencia das deportacións asiria e babilónica. O mesmo se pode dicir dos vv. que seguen.
**28**, 39 *Pedreiro* é o nome que lle dan na zona do Ribeiro ao verme pequeno que come os gromiños tenros da vide.

[56]A muller máis delicada e máis elegante
que nin sequera se atrevía a pór na terra a
planta do seu pé, de elegante e delicada que
era, o seu ollo mirará con degaro para o home
do seu seo, para o seu fillo e para a súa filla
[57]e para as libranzas que saen do seu seo e
para os fillos que acaba de dar a luz. Si, co-
meraos ás agachadas por falta de todo, cando
sexa o asedio e a opresión con que o teu ini-
migo te oprimirá en todas as portas das túas
cidades.
[58]Se non coidas de cumprir todos os pre-
ceptos desta lei escrita neste libro, respectan-
do este Nome glorioso e temible, o Señor, o
teu Deus, [59]entón o Señor fará máis extraor-
dinarios os teus castigos e os castigos da túa
descendencia: uns castigos grandes e inflexi-
bles, unhas enfermidades malignas e durísi-
mas; [60]fará volverse contra ti todas as pragas
do Exipto, que tanto medo che provocan, e
apegaránseche a ti. [61]Tamén fará rubir o Se-
ñor sobre ti todas as enfermidades e todos os
castigos que non están descritos no libro des-
ta lei ata que desaparezas.
[62]Vós quedaredes uns poucos homes, des-
pois de serdes tan numerosos como as es-
trelas do ceo, porque non lle fixeches caso
á voz do Señor, o teu Deus. [63]E resultará que
o mesmo que o Señor se compraceu en vós
facéndovos o ben e multiplicándovos, así se
compracerá tamén o Señor destruíndovos e
facéndovos desaparecer e seredes arrincados
de sobre a terra, na que entrastes a tomar po-
sesión dela. [64]O Señor esparexeravos por en-
tre todos os pobos, desde unha punta da terra
á outra punta e ti daraslles culto alí a deuses
alleos, que nin coñecías ti nin teus pais: ma-
deira e pedra! [65]Entre eses pobos non terás
descanso, nin a planta do teu pé terá un lugar
de acougo, senón que o Señor che dará alá
un corazón asustado, ollos apagados e respi-
ración ansiosa: [66]a túa vida estará pendurada
dun fío diante de ti. Terás pavor de día e de
noite e non te fiarás da túa vida. [67]Pola mañá
dirás: "Quen me dera que fose a tarde"; e
pola tarde dirás: "Quen me dera que fose a
mañá", por causa do pavor que amedrenta-
rá o teu corazón e por causa da visión que
contemplarán os teus ollos. [68]O Señor farate
volver en barcos a Exipto polo camiño que
che dixo: "Non volverás de novo a ver ese
camiño e alí seredes vendidos aos teus inimi-
gos como escravos e escravas e non haberá
nin quen compre".

## IV. DISCURSO TERCEIRO
(Exílico e deuteronomista)

[69]Estas son as palabras da Alianza que o
Señor lle mandou a Moisés pactar cos fillos
de Israel no país de Moab, ademais da Alian-
za que pactou con eles no Horeb.

### Resumo histórico

**29** [1]Moisés convocou a todo Israel e
díxolles:
—Vós xa vistes todo o que o Señor lles fixo
á vosa vista no país de Exipto ao faraón, a
todos os seus servos e a todo o seu país: [2]as
grandes probas que viron os vosos ollos, os
prodixios e os sinais grandes aqueles. [3]Pero
ata o día de hoxe, o Señor non vos deu un
corazón para coñecer nin ollos para ver nin
oídos para escoitar. [4]Eu fíxenvos camiñar
durante corenta anos polo deserto; os vosos
vestidos non se gastaron sobre vós nin a vo-
sas sandalias se gastaron nos vosos pés; [5]non
comestes pan nin bebestes viño nin licor para

**28**, 61 *A enfermidade* sobe de debaixo da terra, do mundo dos mortos, pois a ela conduce.
**28**, 68 A infidelidade á Alianza fará que a historia se volva repetir: a venda como escravos a Exipto (Xosé) repetirase de novo, e de xeito peor: non haberá quen compre os escravos.
**28**, 69 Este v. é introdutorio do derradeiro discurso posto en boca de Moisés (cf **1**, 1; **4**, 44. 45; **6**, 1. 12). Por ficción literaria localízase en Moab (**1**, 5), ao mesmo tempo que se explica que se trata dunha clarificación da Alianza do Horeb. Soamente no Dt se fala da Alianza en Moab, e sen dúbida ten a finalidade dun símbolo: clarificación da lei nun país estranxeiro, e por tanto símbolo do mesmo discurso composto no exilio e para os exiliados. É, por tanto, obra deuteronomística: dos fieis xudeus seguidores da teoloxía do Dt primitivo, que inician o seu labor no 622 e que foron ao desterro nos comezos do s. VI.
**29**, 3 O autor, seguindo o pensamento profético (Is **19**, 14; **29**, 10), distingue o coñecemento histórico dos feitos e o coñecemento salvífico. Aquel é obra de Deus, porque é Deus quen provoca os feitos; pero este tamén é obra exclusiva de Deus, xa que é El quen lles dá sentido aquí e agora para min (cf Mt **16**, 17; Lc **24**, 25ss; Xn **12**, 37s; **16**, 36-37; Rm **11**, 8). O corazón, sé das intencións e plans, percibe as intencións de Deus.

que recoñezades que eu, o Señor, son o voso Deus. [6]Logo chegastes a este sitio e saíron Sihón, rei de Hexbón, e Og, rei de Baxán, ao voso encontro en plan de guerra e nós vencémolos. [7]Logo, collemos o seu país e démosllelo en herdanza aos rubenitas, aos gaditas e á metade da tribo de Menaxés.

[8]Gardade, pois, as palabras desta Alianza e cumprídeas para que teñades éxito en todo o que fagades.

### Compromiso persoal ante a Alianza co Señor

[9]Vós hoxe estades todos diante do Señor, o voso Deus: os vosos xefes, as vosas tribos, os vosos anciáns e os vosos escribas, todos os homes de Israel; [10]os vosos meniños, as vosas mulleres e o teu emigrante que está por medio do teu campamento, desde o cortador das túas árbores ata o que carrexa a túa auga. [11]Ti estás aí para entrares na Alianza do Señor, o teu Deus, e no pacto xurado que o Señor, o teu Deus, conclúe contigo hoxe, [12]co fin de que El te constitúa hoxe nun pobo para El e que El sexa Deus para ti, tal e como cho dixo e tal e como llelo prometeu con xuramento a teus pais, a Abraham, a Isaac e a Xacob. [13]Pero non vou concluír convosco só esta alianza e este pacto xurado. [14]Conclúoo con aquel que está aquí de pé hoxe convosco diante do Señor, o voso Deus, e tamén con aquel que non está connosco hoxe.

[15]Si, xa sabedes vós como viviamos no país de Exipto e como cruzamos polo medio das nacións por onde pasamos; [16]e vistes os seus monstros horribles e os seus ídolos –pau e pedra, prata e ouro– que había onda eles. [17]Que non haxa entre vós home ou muller ou familia ou tribo que aparte hoxe o seu corazón de xunto o Señor, noso Deus, para iren dar culto aos deuses deses pobos; que non haxa entre vós raíz que produza veleno e asente. [18]Se un escoita as palabras deste pacto xurado e se felicita no seu corazón dicindo: "Teña eu fartura, que seguirei no endurecemento do meu corazón porque o que apaga a sede, farta de auga a quen pasa sede", [19]a ese o Señor non o quererá perdoar; entón si que se acenderá a ira do Señor e o seu celo contra ese home e caerán sobre el todas as maldicións escritas neste libro e o Señor fará desaparecer o seu nome de debaixo do ceo. [20]Así retirará o Señor a maldade de todas as tribos de Israel, segundo as maldicións da Alianza escrita no libro desta lei.

### A causa do desterro

[21]A primeira xeración, os vosos fillos que virán despois de vós e o estranxeiro que vén dun país afastado verán o castigo deste país e as enfermidades coas que o Señor os fará enfermar: [22]toda a terra deste país será xofre, sal e calcinación, non será sementada e non xermolará, nela non medrará herba ningunha; será coma o arraso de Sodoma e Gomorra, de Ademah e Seboím, ás que arrasou o Señor na súa ira e no seu anoxo. [23]Todos os pobos dirán: "Por que trata o Señor así este país? Que ardor o desta tan grande ira!". [24]E responderanlles: "Porque abandonaron a Alianza do Señor, Deus de seus pais, quen concluíu a alianza con eles ao sacalos do país de Exipto; [25]foron darlles culto a deuses alleos e prostrarse diante deles, deuses que antes non coñeceran e que non recibiran na repartición. [26]Por isto a ira do Señor inflamouse contra este país, traendo contra el todas as maldicións escritas neste libro. [27]E o Señor arrincounos da súa terra con ira, con carraxe e con grande indignación e botounos a outro país, como sucede hoxe".

[28]As cousas ocultas perténcenlle ao Señor, pero as cousas reveladas perténcennos a nós e aos nosos fillos para sempre, para cumprirmos as palabras desta lei.

### Conversión ao Señor e volta do exilio

**30** [1]Resultará que cando veñan sobre ti todas estas palabras, a bendición e a maldición que eu poño diante de ti, farás volver de todos os pobos, a onde te dispersou o

**29**, 11 *Pacto xurado*: o termo "alah" significa maldición, pero xa que a maldición-bendición era elemento esencial da loanza, pasou a significar Alianza, pacto: por isto traducimos "pacto xurado".
**29**, 14 "Os que non están aquí hoxe"... son os descendentes, que contraen no país o mesmo compromiso. O pobo do exilio está comprometido, porque se comprometeron os seus devanceiros nas celebracións da Alianza. No exilio non se podía ritualizar a renovación da Alianza, e por isto aparece este recurso.
**29**, 17ss A responsabilidade na alianza, expresada soamente no primeiro mandamento, ten implicacións persoais. Este pensamento desenvólvese amplamente no exilio, como o fixeron Ez e os deuteronomistas, que reactualizaron a Xer. A raíz é unha imaxe para expresar o poder xenético da maldade do individuo.
**29**, 22 Como a terra e os seus froitos son don de Deus, a infidelidade a Deus provoca a esterilidade da terra e a privación da mesma.
*Ademah e Seboím* son os termos cos que se alude a Sodoma e Gomorra nas tradicións de Israel (cf Xén **10**, 19; Is **1**, 9-10; Os **11**, 8).
**30**, 1 *A forza da túa decisión* (lit. "a forza do teu corazón"). Non traducimos "meditar no teu corazón", porque o vocábulo "el" ten aquí sentido de "forza", en vez de ser unha preposición como outros cren.

Señor, a forza da túa decisión, [2]converteraste
ao Señor, o teu Deus, e faraslle caso á súa
voz, ti e mais o teu fillo, segundo todo o que
eu che mande hoxe. [3]E o Señor, o teu Deus,
cambiará o teu destino, terá compaixón de
ti e volverá a xuntarte de entre todos os po-
bos a onde o Señor, o teu Deus, te dispersou. [4]Aínda que os teus deportados estean
no cabo do ceo, de alí os xuntará o Señor, o
teu Deus, colleraos [5]e traeraos o Señor, o teu
Deus, ao país que recibiron en herdanza teus
pais e recibiralo ti en herdanza. El farate feliz e multiplicarate máis ca teus pais. [6]O Señor, o teu Deus, circuncidará o teu corazón
e o corazón da túa descendencia para que
ames ao Señor, o teu Deus, con todo o teu
corazón e con todo o teu ser, a fin de que vivas feliz. [7]E o Señor, o teu Deus, porá todas
estas maldicións sobre os teus inimigos e sobre os que te queren mal, pois perseguíronte.
[8]Entón ti volverás facerlle caso á voz do Señor e cumprirás todos os seus mandamentos
que eu che mando hoxe. [9]Así o Señor, o teu
Deus, concederache éxito en todas as obras
da túa man, no froito do teu ventre, no froito
dos teus animais e nos froitos da túa terra,
para o teu ben. Si, o Señor volverase alegrar
contigo pola túa felicidade como se alegrou
con teus pais.

[10]Si, faille caso á voz do Señor, o teu
Deus, gardando os seus mandamentos e os
seus preceptos, o escrito no libro desta lei. Si,
convértete ao Señor, o teu Deus, con todo o
teu corazón e con todo o teu ser.

# CONCLUSIÓN:

## TESTEMUÑOS DA LEI E DA ALIANZA E SUCESIÓN DE MOISÉS

### Testemuño interno da palabra

[11]Si, este mandamento que eu che mando
hoxe non é imposible para ti nin che resulta
inaccesible. [12]Non está no ceo para dicires:
"Quen subirá por nós ao ceo e nolo collerá
e nolo fará escoitar para que nós o cumpramos?". [13]Tampouco está da outra banda do
mar para dicires: "Quen cruzará por nós ao
outro lado do mar e nolo collerá e nolo fará
escoitar para que nós o cumpramos?". [14]Si, a
palabra está moi preto de ti: na túa boca e no
teu corazón para a cumprires.

[15]Mira que eu poño hoxe diante túa a vida
e a felicidade, a morte e a desgraza [16]porque
che mando hoxe amar ao Señor, o teu Deus,
camiñar polos seus vieiros e cumprir os seus
mandamentos, preceptos e decretos para que
vivas feliz e te multipliques e para que o Señor, o teu Deus, te bendiga no país onde vas
entrar a tomalo en posesión. [17]Pero se o teu
corazón se aparta e se ti non lle fas caso e
te extravías e te prostras ante deuses alleos e
lles dás culto, [18]eu declárovos hoxe que pereceredes sen remedio e que non aumentaredes
os vosos días sobre a terra, na que vós, que
estades cruzando o Xordán, ides entrar para
ocupala.

### O ceo e a terra, testemuñas da Alianza

[19]Poño hoxe por testemuñas contra vós o
ceo e mais a terra: poño diante de ti a vida e
a morte, a bendición e a maldición; escolle
a vida para que poidades vivir felices ti e a
túa descendencia, [20]amando ao Señor, o teu
Deus, facéndolle caso á súa voz e apegándote
a El. Isto é a túa vida e o alongamento dos

**30**, 4 *O cabo do ceo*: na concepción sumero-acádica é o lugar onde a bóveda do ceo descansa sobre a terra, o extremo da terra.

**30**, 6 Cf nota a **10**, 1-9; pero aquí é o Señor quen circuncida o corazón, a acción da súa graza salvífica (cf Xer **32**, 39; Ez **36**, 25: co corazón circuncidado por Deus).

**30**, 11 A organización dos temas dos cc. **31-34** e a súa análise interna esíxenos encabezar aquí a conclusión da obra. Non resulta isto nada estraño, xa que titulamos o terceiro discurso (**28**, 69-**30**, 20) como exílico e deuteronomista, e non é cousa fóra da lóxica que o autor conclúa a súa reflexión actualizadora cos elementos que pensa van ser centrais na conclusión: os testemuños da Lei e da Alianza. O outro tema da conclusión a morte e sucesión de Moisés ten en boa parte moito de testemuño da Lei, o mesmo ca a bendición da despedida. Para entender a lóxica desta sección final, hai que lembrarse de que a lóxica semítica non é de liñas rectas coma a grecolatina, senón concéntrica; por isto os temas se repiten, clarificándose. Isto non quere dicir que os materiais da conclusión sexan deuteronomísticos, senón soamente a súa organización.

**30**, 15 O tema do "dobre camiño" é propio do ambiente profético (Xer **8**, 3; **21**, 8), e especialmente do ambiente sapiencial (**4**, 1; Pr **8**, 35; **11**, 9; **12**, 28; **13**, 4; Eclo **15**, 16-17...; cf Pastor de Hermas **1**, 1). O ambiente de onde o tomou o noso autor foi o profético, e así no v. 19 pon como testemuñas da Alianza o ceo e a terra, cousa propia do "rib" profético, que con toda seguridade xurdiu como xénero literario no ambiente deuteronomista do desterro, e influíu na organización dos materiais proféticos. Lugares paralelos de **15-20**: cf **11**, 26; **18**, 1.

teus días, habitando na terra que o Señor lles xurou a teus pais, a Abraham, a Isaac e a Xacob que lles daría.

### A sucesión de Moisés

**31** [1]Moisés acabou dicíndolle estas palabras a todo Israel. [2]Logo díxolles:

–Hoxe cumpro cento vinte anos; xa non son capaz de saír e de entrar. Por iso díxome o Señor: "Non cruzarás este Xordán". [3]O Señor, o teu Deus, é quen cruzará o Xordán diante de ti. El destruirá ante ti estes pobos e ti tomaralos en posesión. Xosué será quen pase á túa fronte tal e como o dixo o Señor. [4]O Señor faralles a estes pobos o mesmo que lles fixo aos reis dos amorreos, a Sihón e a Og e ao seu país: exterminalos. [5]O Señor poraos diante vosa e vós farédeslles tal e como eu vos mande. [6]Sede valentes! Sede fortes! Non teñades medo nin tremedes ante a súa presenza, que o Señor, o teu Deus, é quen irá contigo: non te deixará só nin te abandonará.

[7]Despois Moisés chamou a Xosué e díxolle á vista de todo Israel: –Sé valente! Sé forte!, que ti entrarás con este pobo no país que o Señor lles prometeu con xuramento a teus pais dárllelo e ti has de llelo entregar en herdanza. [8]Certo que o Señor será quen irá diante de ti. El estará contigo, non te deixará só nin te abandonará. Non teñas medo nin te desanimes.

### Testemuño litúrxico: a renovación da Alianza

[9]Despois Moisés escribiu esta lei e entregóullela aos sacerdotes, fillos de Leví, que levaban a Arca da Alianza do Señor, e mais aos anciáns de Israel. [10]E Moisés mandoulles isto: –Ao cabo de sete anos, na data precisa do ano da Remisión, durante a festa das Cabanas, [11]cando todo Israel veña ver o rostro do Señor, o teu Deus, no santuario que El escolla, ti proclamarás esta lei ante todo Israel de xeito que a escoiten. [12]Reúne o pobo, homes, mulleres e rapaces e o emigrante que vive dentro das portas das túas cidades para que escoiten e aprendan a respectar o Señor, o voso Deus, e para que procuren cumprir todos os preceptos desta lei. [13]Así os teus fillos, que non teñen coñecemento, escoitarán e aprenderán a respectar o Señor, o voso Deus, todos os días que vós vivades na terra que ides tomar en posesión pasando o Xordán.

### Teofanía para Moisés e Xosué

[14]Logo o Señor díxolle a Moisés: –Olla que os días da túa morte están cerca. Chama a Xosué e presentádevos na Tenda do Oráculo, que eu lle vou dar ordes.

Entón foron Moisés e Xosué e presentáronse na Tenda do Encontro. [15]O Señor fíxose ver na tenda, nunha columna de nube, e a columna de nube estivo queda á porta da Tenda.

### Introdución ao cántico de Moisés

[16]Entón o Señor díxolle a Moisés: –Olla que ti vas deitarte con teus pais, pero este pobo vaise levantar para prostituírse, indo detrás dos deuses dos estraños, os deuses do país onde vai entrar; vaime abandonar a min e quebrantar a Alianza que eu fixen con el. [17]E no día aquel a miña ira inflamarase contra el e voume apartar deles e taparei para eles a miña cara. Entón o pobo será devorado e moitas desgrazas e angustias virán sobre el. Dirá entón: "Non virán sobre min estas desgrazas por non estar o meu Deus no medio de min?". [18]Pero eu seguirei tapando a miña cara no día aquel por causa de todo o mal que el fixo, xa que se volveron tras os deuses alleos. [19]Pero agora escribide para vós este cántico. Ensinádellelo aos fillos de Israel e poñédellelo na súa boca para que me sirva a min de testemuño contra os fillos de Israel. [20]En efecto, traerei o pobo á terra que lles prometín con xuramento a seus pais, terra que deita leite e mel, e comerá, fartarase e engordará; pero logo volverase cos deuses alleos e daralles culto, desprezarame a min e romperá a miña Alianza. [21]Cando grandes desgrazas e angustias caian sobre el, este cántico dará testemuño contra el porque non será esquecido na boca da súa descendencia. Si, coñezo ben o plan que hoxe mesmo está facendo antes de que eu o leve á terra que prometín con xuramento.

[22]Ese día Moisés escribiu este cántico e ensinóullelo aos fillos de Israel.

**31**, 3 A sucesión de Moisés á fronte do pobo tómaa o Señor; Xosué é tan só o signo da súa presenza.
**31**, 10ss Temos aquí un texto que, sen dúbida, provén do s. VIII e do calendario litúrxico de Xequem.
**31**, 14-15 Esta teofanía quere ser expresión do carácter profético da misión e actividade de Xosué, xa que a teofanía é un elemento esencial da vocación profética. É preferible entender "moced" como Oráculo (por mor do contexto), aínda que é posible a tradución "Tenda do Encontro" ou "da Xuntanza".
**31**, 16-22 Esta introdución ao cántico de Moisés que se ofrecerá en **32**, 1-44, ten a finalidade de presentarnos o cántico como un testemuño contra a idolatría, causante duns desastres que non se concretan.

### Ánimo a Xosué

[23]Logo, o Señor mandoulle isto a Xosué,
fillo de Nun: –Sé valente! Sé forte!, que ti
farás entrar os fillos de Israel na terra que lles
prometín con xuramento e eu estarei contigo.

### Testemuño sacro-literario: o libro da Lei a carón da Arca da Alianza

[24]Cando Moisés acabou de escribir to-
das as palabras desta lei nun libro, [25]deulles
esta orde aos levitas, que levaban a Arca da
Alianza do Señor: [26]–Collede o libro desta
lei e poñédeo ao lado da Arca da Alianza do
Señor, o voso Deus, e que estea alí en teste-
muño contra ti. [27]Porque eu coñezo ben a túa
rebeldía e a túa cabeza dura: se hoxe, duran-
te a miña vida convosco, sodes rebeldes co
Señor, canto máis o seredes despois da miña
morte?

### O ceo e a terra, testemuño do cántico de Moisés

[28]Xuntade ao meu lado os anciáns das vo-
sas tribos e os vosos xefes, que vou pronun-
ciar nos seus oídos estas palabras e vou pór
como testemuñas contra eles o ceo e mais
a terra. [29]Si, eu sei ben como vos corrom-
peredes despois da miña morte e como vos
apartaredes do vieiro que vos ordenei e entón
a desgraza sairá ao voso encontro naqueles
días despois de que fagades o mal aos ollos
do Señor, anoxándoo cos feitos das vosas
mans.

### O cántico de Moisés

[30]Entón Moisés pronunciou ata o final as
palabras deste cántico aos oídos de toda a
asemblea de Israel:

**32** [1]Escoita, ceo, que vou falar;
escoita, terra, os ditos da miña boca.
[2]A miña doutrina caerá en pingas
coma a chuvia,
e o meu dito espallarase
coma a chuvia mansa
sobre a herba tenra,
coma o trebón sobre o céspede.
[3]Si, proclamarei o nome do Señor.

### Proclamación da xustiza salvífica de Deus

Aclamade: a grandeza é do noso Deus.
[4]El é o Penedo, a súa obra é perfecta.
Si, todos os seus vieiros son xustiza.
É o Deus da fidelidade
e non hai nel inxustiza:
xusto e recto é El.
[5]Envolveu os que non lle eran fillos
con follas de palmeira,
xeración pervertida e malvada.

### Acusación en forma interrogativa

[6]Isto lle facedes ao Señor,
pobo parvo e sen sabedoría?
Non é El o teu Pai, quen te creou?
Non é El quen te fixo,
quen che deu o ser?

### Beneficios de Deus no pasado

[7]Lémbrate dos días remotos,
si, considera os anos
de xeración en xeración.
Pregúntalle a teu pai e que cho mostre,
pregúntalles aos teus anciáns
e que cho digan.
[8]Cando o Altísimo lles repartía
a herdanza aos pobos
e cando separaba os fillos de Adán
estableceu as fronteiras das nacións,
segundo o número dos fillos de Israel.
[9]Si, a parte do Señor é o seu pobo,
Xacob é a súa herdanza.
[10]Fortaléceo nunha terra de deserto,
nunha soidade de ouveos engórdao,

**31**, 23 Parece continuación da teofanía vocacional profética dos vv. 14-15, e contraria á misión confiada a Xosué. A razón do truncamento do texto foi o entrelazar os dous temas: o do testemuño e o da sucesión de Moisés (cf nota a **30**, 11ss).

**31**, 24-27 O autor deuteronomista subliña o carácter de testemuño sagrado da lei polo feito de que, desde a reforma de Ioxías, o texto do Dt foi venerado a carón da Arca da Alianza.

**31**, 28s A temática testemuñal ten o seu centro nestes vv., onde se convoca aos responsables das tribos a escoitaren as palabras do cántico de Moisés e se poñen de testemuñas o ceo e mais a terra.

**32**, 1-43 O cántico de Moisés literariamente ten a forma dun *rib* profético. Para facilitarmos a súa comprensión, titulamos cada unha das seccións deste complexo xénero literario propio do desterro babilónico. Nótense as afinidades ideolóxicas co Segundo Is. A finalidade deste xénero literario é provocar a conversión a fe no poder salvífico do Señor, e deste xeito o irromper histórico da salvación. Por iso pódeo cualificar o redactor final como "testemuño contra vós" (v. 46). O seu autor non é o mesmo ca o redactor final.

**32**, 6 *Deu o ser*. Esta tradución encaixa mellor no contexto que a de "fundou", por tratarse da forma causativa dun verbo que, nos escritos de Ugarit, significa "ser".

**32**, 7 Estes beneficios no pasado poden presentarse morfoloxicamente en presente ou en futuro histórico.

**32**, 10 Por mor do paralelismo, parece que a lectura máis correcta é a do Texto Samaritano, e non a do Texto Masorético Hebreo.

rodéao de coidados e aténdeo,
protéxeo coma á meniña do seu ollo.
[11]O mesmo que a aguia
espile a súa niñada,
planea sobre os seus poliños,
estende as ás e os colle
e os levanta sobre as súas plumas,
[12]así tamén o Señor, El só,
conducirá o seu pobo,
non haberá con El un deus estraño,
[13]farao montar de a cabalo
sobre as alturas da terra
e daralle de comer
os produtos do campo,
daralle a zugar o mel que sae da pena,
o aceite que sae do duro penedo:
[14]manteiga de vaca e leite de ovellas,
con graxa de años,
carneiros da raza de Baxán e cabritos,
coa flor dos grans de trigo.
Bebiches fermentado o sangue da uva
(e Xacob comerá ata se fartar).

**Denuncia do pecado: tipificación**

[15]Iexurún engordou e logo couceou;
engordaches, colliches graxas,
puxécheste brillante,
pero rexeitou ao Deus que o creou
e deshonrou o Penedo da súa salvación.
[16]Provocáronlle celos con deuses estraños,
alporizárono con abominacións.
[17]Ofrecéronlles sacrificios aos demos,
non a Deus,
a deuses que antes non coñecían,
deuses novos, acabados de chegar,
aos que vosos pais non respectaran.
[18]Desprezaches o Penedo
que che deu a luz,
esqueciches o Deus
que te trouxo ao mundo.

**Castigos históricos en forma de oráculo**

[19]Viu isto o Señor con carraxe,
rexeitou a seus fillos e a súas fillas.
[20]E dixo: Escondereilles
o meu rostro benévolo,
verei cal é o seu porvir,
pois eles son unha xeración
de perversión,
fillos nos que non hai fidelidade.
[21]Eles provocaron os meus celos
con quen non é deus,
anoxáronme cos seus ídolos ilusos;
pero eu provocarei os seus celos
con quen non é pobo,
cunha nación tola asañareinos.
[22]Si, un lume de carraxe
acendeuse no meu nariz,
abrasa ata as fonduras do Xeol,
devora a terra e os seus froitos
e requeima os alicerces das montañas.
[23]Amorearei calamidades sobre eles
e acabarei coas miñas frechas
contra eles:
[24]cansos de fame, consumidos coa febre
e coa peste maligna.
Si, mandarei contra eles
dentes de animais
con veleno de bechos
que se arrastran polo chan.
[25]Por fóra, a espada deixaraos sen fillos
e por dentro das casas, o terror.
Berros dos mozos! Berros das mozas!
Berro de meniño que mama,
xunto co home encanecido!
[26]Pensei: vounos espallar,
vou facer desaparecer a súa lembranza
de entre os homes,
[27]se non temese provocar o inimigo
e que os seus adversarios
se fagan ilusións
dicindo: A nosa man é poderosa,
pois non foi o Señor
quen fixo todo isto.

**Reflexións teolóxicas exhortativas á fe no poder do Señor**

[28]Si, son un pobo que derrama os plans
e neles non hai intelixencia.
[29]Se fosen sabios, comprenderían isto,
entenderían cal é o seu porvir:
[30]Como un home pode perseguir a mil
e como dous homes fan fuxir a dez mil
se non é que o seu Penedo llelos vende
e se non é que o Señor
llelos entrega atados?
[31]Certo que o noso Penedo
non é coma o seu penedo,
certo que os nosos inimigos
non son quen a xulgar,
[32]pois a súa viña é das cepas de Sodoma
e dos patróns de Gomorra;
as súas uvas son uvas de veleno
e os seus acios teñen amargor;

**32**, 14 A paréntese é lectura do Texto Samaritano e mais da versión dos LXX.
**32**, 15 O nome *Iexurún* refírese aquí a Israel, que, en vez de ser dócil ao Señor, é coma un becerro (heb. "xur") que coucea.

*Penedo* (heb. "sur") é un dos moitos atributos de Iavé, que inclúe a imaxe do penedo do monte, ao abrigo do cal un se acolle, ou o penedo onde un se afirma (cf 1 Sam **23**, 13; Sal **18**, 3. 32; Is **26**, 4; Mt **7**, 24-25).

[33]o seu viño é veleno de serpes,
si, pezoña de cobras destrutoras.
[34]Non está el gardado ao meu carón,
selado no almacén dos meus tesouros?
[35]Velaí o día da vinganza
e do axuste de contas!
Velaí o intre no que tropezarán
os seus pés!
Certo que está próximo
o día da súa ruína,
certo que vén ás présas preparado para eles.
[36]Si, o Señor faralle xustiza ao seu pobo
e compadecerase dos seus servos,
cando vexa que a forza se acaba
e que xa non hai escravo nin libre.
[37]Entón dirá: Onde están os seus deuses,
o penedo onde se refuxiaban?
[38]Pois comen a graxa dos seus sacrificios
e beben o viño das súas libacións.
Que se levanten a axudarnos,
que sexan a nosa protección!

### Anuncio da vinganza sobre os inimigos do pobo

[39]Agora ollade: certo que eu son eu
e non hai outros deuses comigo.
Eu fago morrer e fago vivir;
ferín, pero curarei
e non hai quen escape da miña man.
[40]Si, levantarei a miña man ao ceo e direi:
Pola miña vida, así será para sempre!
[41]Afiarei o lóstrego da miña espada
e a miña man collerá a xustiza;
e farei volver a vinganza
contra os meus adversarios
e axustarei as contas cos que me odian.
[42]Emborracharei as miñas frechas de sangue
e a miña espada devorará carne:
do sangue dos mortos e cativos,
das cabezas peludas do meu inimigo.
[43]Nacións, aclamade o seu pobo,
que o sangue dos seus servos
está sendo vingado;
fai vinganza dos seus adversarios
e así purifica a súa terra e o seu pobo.
[44]Foi Moisés acompañado de Xosué, fillo de Nun, e pronunciou todas as palabras deste cántico aos oídos do pobo.

### Conclusión do cántico de testemuño e da Lei

[45]Cando acabou Moisés de pronunciar todas estas palabras para todo Israel, [46]díxolles:
–Entregade o voso corazón a todas as palabras que hoxe poño como testemuño contra vós, pois habédesllelas de pór de precepto aos vosos fillos para que procuren practicar todas as palabras desta lei. [47]Pois non é unha palabra baleira de interese para vós, senón que é a vosa vida; e con esta palabra alongaredes os días sobre a terra, na que entraredes ao cruzar o Xordán para a tomardes en posesión.

### Moisés morrerá despois de ver a terra prometida

[48]Nese mesmo día, o Señor faloulle a Moisés nestes termos: [49]–Sube á montaña esa de Abarim, ao monte Nebó, que está no país de Moab, fronte a Iericó, e olla para a terra de Canaán porque llela vou dar en propiedade aos fillos de Israel. [50]Despois morrerás no monte onde vas subir e xuntaraste cos teus parentes, o mesmo que Aharón, teu irmán, morreu no monte Hor e se xuntou cos seus parentes. [51]Por me serdes infieis a min ante os fillos de Israel, nas augas de Meribah de Cadex, no deserto de Sin, por non recoñecerdes a miña santidade, ante os fillos de Israel, [52]por isto verás desde enfronte o país, pero non entrarás nel, nese país que eu lles vou dar aos fillos de Israel.

### Bendición de despedida de Moisés aos fillos de Israel

**33** [1]Esta é a bendición coa que Moisés, o home de Deus, bendiciu os fillos de Israel antes de morrer. [2]Díxolles:

**32**, 43 Os LXX teñen neste v. un texto máis longo, que concorda co texto dos manuscritos de Qumrân, aínda que este último omite o que deixamos entre parénteses:
"Ceos, alegrádevos con El, e que todos os fillos de Deus se prostren diante del.
(Nacións, alegrádevos co seu pobo, e que todos os anxos de Deus sexan fortes por El). Pois o sangue dos seus fillos foi vingado: El vingará e fará caer a vinganza sobre os seus inimigos.
El pagarállelo aos que o odian; o Señor purificará o país do seu pobo".
Dúas pasaxes desta forma longa cítanse en Rm **15**, 10 e Heb **1**, 6.

**32**, 45-47 Conclúe o tema do testemuño e da perennidade da Alianza, cunha chamada á fidelidade.

**33**, 1ss Este canto está composto de dez cancións relativas a dez tribos (falta a de Simeón, quizais por estar absorbida xa pola de Xudá; e a de Isacar xúntase coa de Zebulón, que están encadradas por dous fragmentos hímnicos (os vv. 25 e 26-29).
A presenza deste canto aquí débese seguramente ao seu emprego na liturxia da renovación da Alianza en Xequem. A súa orixe pódese remontar aos comezos da monarquía ou á fin do período dos xuíces; é desde logo posterior ás bendicións de Xacob (de Xén **49**), pois xa desaparecera a tribo secular de Leví, e a de Rubén xa fora absorbida pola de Xudá.

O Señor chega do Sinaí,
resplandece desde Seir en favor deles,
brilla desde o monte Parán,
si, chega o Santo co seu poder,
avanza coa súa perna dereita
en favor deles.
3 Ti si que amas o pobo,
todos os santos do pobo están na túa man.
Eles humíllanse ante os teus pés
e as túas palabras levántaos.
4 Moisés ordenounas nunha lei
e o seu propietario
é a xuntanza de Xacob.
5 Hai rei en Iexurún,
cando se xuntan os xefes do pobo,
cando están xuntas as tribos de Israel.

6 Que viva Rubén e que non morra,
aínda que son poucos os seus homes.

7 Isto é o que dixo para Xudá:
Escoita, Señor, os gritos de Xudá
e tráeo ao seu pobo,
que as súas mans loiten ao seu favor,
pero ti sé o seu auxiliador
contra os seus adversarios.

8 Isto é o que dixo para Leví:
Que os teus *tummim* e os teus *urim*
sexan para o home que é fiel ao teu amor,
a quen puxeches a proba en Masah,
con quen discutiches
fronte ás augas de Meribah,
9 o que lles dixo a seu pai e a súa nai:
"Nunca vos vin",
que non recoñeceu a seus irmáns
e que ignora ao seu fillo.
Si, cumpriron a túa palabra
e mantiveron a túa Alianza.
10 Ensináronlle os teus decretos a Xacob
e a túa lei a Israel.
Poñen o perfume do incenso diante de ti
e sacrificio completo sobre o teu altar.
11 Bendí, Señor, a súa forza
e comprácete no traballo das súas mans.
Pártelles os riles
aos que se levanten contra el
e que non se poidan erguer
os que o odian.

12 Isto é o que dixo para Benxamín:
Benquerido do Señor.
O Altísimo farao habitar tranquilo,
si, o Altísimo protexerao todos os días
e descansará nas súas abas.

13 Isto é o que dixo para Xosé:
O seu país é o máis bendito polo Señor,
co precioso regalo do ceo, a rosada,
coas augas do abismo
que descansan abaixo,
14 co precioso regalo dos produtos do sol,
co precioso regalo dos froitos das lúas,
15 co mellor dos montes doutro tempo,
co precioso regalo dos outeiros eternos,
16 co mellor da terra e de canto contén
e a favor do que mora na silveira:
baixe sobre a cabeza de Xosé,
sobre a fronte do príncipe
de seus irmáns!
17 El é coma o primoxénito do touro.
Gloria a el!
Cornos de búfalo son os seus cornos,
con eles escorna os pobos,

**33**, 2-5 Este anaco de himno teofánico describe a chegada do Señor desde o deserto para reinar no seu pobo, amándoo e comunicándolle a Lei; deste xeito El é o Rei das tribos unidas para escoitaren a Lei e renovaren a Alianza.
**33**, 2 O termo "exdat" significa *perna* en diversas linguas orientais; e está en paralelo con "poder" (a perna dereita é sinal do poder, cf Ap **19**, 16). Alguén explica este valor semántico polo poder de encantamento da perna en arameo. Outras traducións corrixen o texto.
**33**, 5 *Iexurún* é un nome equivalente a Israel (cf nota a **32**, 15). Esta xuntanza das tribos no santuario tiña lugar en Xequem para a festa da renovación da Alianza.
**33**, 6 Falta o encabezamento desta bendición. Esta tribo, asentada na Transxordania, debía estar en situación de crise pola opresión dos reinos veciños. En Xén **49**, 3-4 aínda aparecía coma unha tribo poderosa.
**33**, 7 A bendición de Xudá é unha oración por esa tribo, que debe de estar en loita cos pobos do Sur. Esta situación explicará a súa ausencia.
**33**, 8s *Os tummim* e *os urim* son instrumentos para responder ás sortes, ás cuestións que non se podían coñecer por medios naturais (cf Éx **28**, 30; 1 Sam **14**, 41s; **23**, 11s). O resultado considerábase resposta de Deus: "os teus (=de Deus) *tummim*". Apóianse na fidelidade da revelación de Deus, mostrada nos episodios de Massah e Meribah (cf Éx **17**, 7; Núm **20** ,13 Sal **81**, 8; **95**, 8).
**33**, 10 Os levitas comunicaban as respostas legais aos que llelas presentaban (cf Ax **2**, 11-13; Zac **7**, 3).
*Diante de ti*: lit. "no teu nariz".
**33**, 12 *As súas abas*: O termo "katef" (=ombreiro), ten o sentido xeográfico de "as abas", "as ladeiras dos montes". A tribo de Benxamín habitaba ao norte de Xerusalén, en terreo moi montañoso.
**33**, 13 A bendición de Xosé refírese ás tribos dos seus fillos Efraím e Menaxés, que ocuparon o centro e mais o sur do Reino de Israel.
*As augas do abismo que descansan abaixo* é o mar, que, segundo a concepción semítica, está debaixo da terra e lle dá a fertilidade.
**33**, 16 *O que mora na silveira*: alusión a Éx **3**, 2. 6. A cabeza e curuto, expresan a propiedade e o dominio.
*Príncipe* (heb. "nazir") era o consagrado a Deus, con obrigacións especiais na guerra santa.
**33**, 17 *Touro* (heb. "xor") era un dos títulos do pai dos deuses do panteón cananeo, que aquí pasa a Iavé e adquire o simbolismo da fecundidade que tiña o touro.

os extremos do mundo ao mesmo tempo.
Si, son as multitudes de Efraím!
Certo, son os milleiros de Menaxés!

18Isto é o que dixo para Zebulón:
Sé feliz, Zebulón, nas túas saídas
e ti, Isacar, sé feliz nas túas tendas.
19Os pobos son convidados ao meu monte,
alí ofrecen sacrificios lexítimos.
Certo que mamarán
da abundancia dos mares,
dos tesouros escondidos coa area.

20Isto é o que dixo para Gad:
Bendito sexa quen alarga
o territorio de Gad.
El está deitado coma unha leoa
e arrinca un brazo e tamén a cabeza.
21Viu as primicias que son para el;
si, alí está ben gardada a parte prescrita,
logo chegou onda os xefes do pobo,
cumpriu a xustiza do Señor,
os seus decretos cumpriunos con Israel.

22Isto é o que dixo para Dan:
Dan é un cachorro de león,
dá un salto desde Baxán.

23Isto é o que dixo para Naftalí:
Naftalí, farto de ben querer
e cheo da bendición do Señor:
cara ao oeste e cara ao sur,
a súa posesión.

24Isto é o que dixo para Axer:
Axer, o máis bendito dos fillos,
o máis favorecido dos irmáns.
Baña en aceite o seu pé,
25que os teus ferrollos
sexan de ferro e bronce,
que o poder do teu dominio
dure coma os teus días.
26Ninguén hai como Deus, Iexurún,
que monta a cabalo dos ceos
na túa axuda,
que coa maxestade monta
nas delgadas nubes.
27O Deus de sempre é refuxio,
estás debaixo dos brazos do Eterno:
El botará o inimigo da túa presenza
e dirá: Extermina!
28Entón Israel habitará en seguridade.
A fonte de Xacob botará suficiente
para un país de trigo e de mosto,
tamén o seu ceo destilará a rosada.
29Feliz ti, Israel, quen coma ti?,
pobo salvado polo Señor,
escudo da túa axuda,
espada da túa grandeza,
os teus inimigos quixeron dominarte,
pero ti triparás as súas costas.

### A morte de Moisés e a súa glorificación

**34** 1Subiu Moisés das chairas de Moab ao monte Nebó, á cima do Pisgah, que está enfronte de Iericó. O Señor mostroulle todo o país: Galaad ata Dan, 2todo Naftalí, o país de Efraím e Menaxés e todo o país de Xudá ata o mar occidental; 3o Négueb, a veiga do val de Iericó, a cidade das palmeiras, ata Soar.

4Entón díxolle o Señor: –Este é o país que lles prometín con xuramento a Abraham, Isaac e Xacob dicíndolles: "Heillo de dar á túa descendencia". Xa cho mostrei aos teus ollos, pero alí non podes cruzar.

*Primoxénito do touro* era un título de Baal en Ugarit, e aquí pasa a ser título de Xosé, para significar o fillo predilecto e o máis poderoso dos fillos (tribos) de Iavé.
**33**, 18s O merismo "saídas e tendas", expresa a totalidade da existencia e actividade. O "monte" é o monte Tabor, onde había un santuario iavista (cf Xuí **4**, 12-16; Os **5**, 1). Aprovéitanse do comercio coma os seus veciños fenicios, e quizais desenvolven a industria do vidro coas areas do mar. As tribos de Isacar e Zebulón teñen orixe común (Xén **35**, 23), e o territorio aparellado.
**33**, 20s A Gad tocoulle a parte central da Transxordania (**2**, 3); pero ampliou o seu territorio loitando contra os beduínos, co que gañou sona de valente (Xén **49**, 19); e seguiu o que o Señor lles mandaba (actuar con xustiza) por medio dos xefes.
**33**, 22 O primeiro establecemento de Dan foi ao oeste do territorio de Benxamín, lindando cos filisteos, segundo Xos **19**, 40ss; mais logo trasladouse para o norte da lagoa de Hule, onde reside na data deste texto. Era a tribo máis ao norte.
**33**, 23 Traducimos "Iam" (=mar) por oeste, por mor do contexto: estes datos xeográficos hai que poñelos en relación con Baxán, que acaba de ser citado.
**33**, 24 Esta tribo estaba situada na zona costeira ao norte do Carmelo e era terra de oliveiras. Por ser unha zona segura, non acode á invitación á guerra de Xuí **5**, 17.
**33**, 26 Presenta este v. a Iavé cos títulos dados a Baal en Ugarit: cabaleiro das nubes e distribuidor da prosperidade agrícola.
**33**, 27ss Outros títulos de Iavé son: o Deus de sempre, o Eterno, a Fonte de Xacob. Refírense á protección divina na guerra, o mesmo que á prosperidade agrícola. Estes aspectos hímnicos cadran ben co tema das bendicións.
**34**, 1-12 O relato contén elementos da fonte antiga (vv. 7-9, que continúan o relato de **32**, 48-52), mentres que o resto é do deuteronomista. Pódese considerar como a glorificación de Moisés, que foi enterrado por Deus. Elías foi arrebatado ao ceo, Moisés foi enterrado polo mesmo Iavé, e ata a morte conservou o ollo profético de visionario ("trataba co Señor cara a cara": v. 10), e conservou a súa vitalidade ou espírito profético. Sorprende que non se

[5]Morreu alí Moisés, o servo do Señor, no país de Moab, conforme a declaración do Señor. [6]E enterrouno alí no val, no país de Moab, enfronte de Bet-Peor, e ningún home, ata o día de hoxe, coñeceu a súa sepultura. [7]Moisés tiña cento vinte anos cando morreu e a súa vista non enfraquecera nin desaparecera a súa vitalidade.

[8]Os fillos de Israel choraron por Moisés nas chairas de Moab trinta días, completaron así os seus días de pranto como loito por Moisés. [9]Entón Xosué, fillo de Nun, estaba cheo de espírito de sabedoría, xa que Moisés lle impuxera as súas mans e os fillos de Israel fixéronlle caso e comportáronse tal e como o Señor llo mandara a Moisés.

[10]Nunca máis volveu xurdir un profeta en Israel semellante a Moisés, con quen o Señor tratase cara a cara. [11]Ninguén coma el en todos os sinais e prodixios que o Señor lle mandou facer no país de Exipto contra o Faraón, contra os seus servos e contra o seu país. [12]E ningún coma el coa man forte e todo o gran pavor que provocou Moisés á vista de todo Israel.

fale da súa función lexisladora, cousa que se explica tendo en conta que o importante na liturxia da renovación da Alianza e na teoloxía deuteronomista é o carácter profético e vitalizador-taumatúrxico deste home, que segue ata certo punto vivo na teoloxía destas comunidades cultuais e proféticas. No N. T. é considerado como un precedente de Xesús, o profeta escatolóxico e taumaturgo liberador para todas as persoas, morto e resucitado, e vivo para sempre coa plenitude do poder do mesmo Deus, presente e actuante na liturxia e no profetismo cristián.

# INTRODUCIÓN A XOSUÉ

## 1. O Libro de Xosué no conxunto da Biblia

*O sexto libro da Biblia leva o nome de* Libro de Xosué.

*Na repartición que fan os xudeus –Lei, Profetas e Escritos– o Libro de Xosué é o primeiro dos "Profetas Anteriores", considerando ese escrito como algo á parte da "Lei de Moisés". Desde logo, a obra ten unha proxección cara a diante, relacionándose intimamente co Libro dos Xuíces, e mais cos outros que o seguen (Samuel e Reis), e que son expoñentes da chamada teoloxía deuteronomística. Pero, ao mesmo tempo, o Libro de Xosué ten unha relación moi marcada cos libros da "Lei de Moisés". De feito, o programa da conquista do país xa se trazara no Deuteronomio. Por outra banda, toda a obra de Moisés quedaría no aire se Xosué non a levase ao remate. Aínda máis: o Libro de Xosué enlaza directamente co Deuteronomio, ao falar da morte de Moisés e introducir uns temas teolóxicos comúns co quinto libro da Lei. Por estas razóns, algúns, máis que pensar nun "Pentateuco" –os cinco libros da Lei–, prefiren falar do "Hexateuco", engadindo o Libro de Xosué.*

## 2. O título do libro e a persoa de Xosué

*O vocábulo hebreo "Iehoxúa", transcrito por Xosué, non fai referencia ao autor do libro, senón ao personaxe máis importante que aparece nel. O seu nome anterior era Oseas (heb. "Hoxea"), pero cambioullo Moisés (Núm **13**, 16) para simbolizar no nome a súa misión como colaborador de Deus. De feito, o vocábulo "Iehoxúa" significa "Iavé salva".*

*O noso personaxe viña sendo "fillo de Nun" (a versión dos LXX di "fillo de Naue" ou "fillo de Naún") e pertencía á tribo de Efraím (Núm **13**, 8.16; cf Xos **19**, 49-50; **24**, 30).*

*O libro do Eclesiástico (**46**, 1-10) fai toda unha loanza da persoa e do labor de Xosué. Outros libros da Biblia falan del como un dos maiores colaboradores de Moisés (Éx **32**, 17), un dos seus ministros (Éx **24**, 13; **33**, 11; Núm **11**, 28). Cando Moisés manda espías para conquistar o país, escolle entre outros a Xosué (Núm **13**, 4-16), e serán el e mais Caleb quen darán azos aos israelitas para que se decidan a ocupar o territorio (Núm **14**, 6-9). Á morte de Moisés, sucédeo Xosué (Núm **27**, 18-23; Dt **31**, 3-8; Xos **1**, 1ss), coa dobre carga de conquistar o país (Xos **1**, 2-5) e de repartilo entre as tribos de Israel (Xos **1**, 6-9; **13**, 7).*

## 3. Tempo no que se escribiu a obra

*Este libro, coma outros da Biblia, é froito dun longo proceso. Xa de antigo hai tradicións tribais, especialmente benxaminitas e efraimitas, que decontado se van poñendo por escrito. Con todo o libro non chega a se compoñer ata o tempo da monarquía dividida, non antes de Ioxías (s. VII); e aínda despois hanse facer algúns engadidos. Lendo a modiño a obra, descóbrense os tecnicismos, estilo e temática propios das catro fontes que aparecían no Pentateuco, cunha meirande presenza das tres primeiras sobre a fonte sacerdotal.*

## 4. Xénero literario do libro

*Hai relatos no libro de Xosué que testemuñan feitos históricos. Así, parece ser que os israelitas ocuparon, por accións guerreiras, as cidades de Hormah, Hebrón, Debir, Hexbón, Hasor e Iericó. Outras cidades fóronas ocupando pacificamente, mesturándose cos nativos ou facendo pactos con eles. Neste derradeiro sentido, destacan os acordos feitos con Gabaón e con Xequem.*

*Con todo, hai no libro de Xosué unha marcada tendencia á simplificación e á xeneralización. Así, preséntase como froito da loita o que nalgúns casos se conseguiu pacificamente; ponse como gañado decontado o que levou moito tempo; aplícase á conquista dunha vila entón non habitada o esquema da ocupación doutra; e aponse a todo Israel o que lles acontecera soamente a algunhas tribos.*

*Os feitos referidos polo autor deuteronomista sofren a concepción da historia e as preocupacións teolóxicas daquela escola. Sendo estas tan marcadas, os feitos históricos quedan na penumbra.*

*Por outra banda hai no libro lendas etiolóxicas, especialmente no que se refire aos individuos e aos santuarios. Estas lendas intentan explicar feitos entón actuais, buscándolles unha razón de ser no pasado.*

## 5. Teoloxía do libro de Xosué

*O autor do libro, baseándose nos feitos recollidos nas tradicións e nas fontes escri-*

*tas que emprega, quérenos transmitir unha mensaxe relixiosa:*

1. *Deus é o Señor da historia. O tema fundamental que dá sentido ao libro é facer ver que as promesas feitas por Deus aos patriarcas non quedaron sen se cumpriren, a pesar de todas as dificultades humanas que se puidesen presentar. Deus está con Xosué, como estivera con Moisés. É Deus quen entrega o país a Israel.*

2. *Cando Israel cumpre cos preceptos e coas normas que Deus lle dá, vive feliz e vaise facendo dono do territorio; pola contra, cando é infiel a Deus, non adianta na conquista do país, senón que sofre desfeitas (cf Xos 7). Por iso, se o autor deuteronómico ve que os seus contemporáneos queren imitar as prácticas pagás, pon en boca de Xosué e do mesmo Deus o mandato de exterminar a todo o que se encontre naquel país e non crea no verdadeiro Señor da historia. O auténtico contido destas palabras que exhortaban á destrución de todo ser vivo, vén sendo este: non vaiades tras dos ídolos, non vos deixedes levar polas prácticas dos pagáns, non sexa que atraiades a ira de Deus e vos suceda o mal, e teñades que saír da terra que o Señor vos deu.*

3. *Israel é, para o redactor deuteronomista, unha unidade composta de doce tribos, simbolizadas nas doce pedras de Guilgal. E, por formaren unha unidade, o pecado dun membro do pobo –Acán–, carrexa o mal a todos (Xos 7); e o quebranto dun precepto da Lei por parte dalgunhas tribos, pode atraer a ira do Señor contra as outras (**22**, 18ss). A Deus háselle de honrar e dar o culto que El quere, no lugar que El dispoña (**22**, 16.19).*

## 6. Estrutura do libro

*O libro de Xosué ten dúas partes fundamentais, cun apéndice.*

*A primeira parte trata dos preparativos para a ocupación do país e das accións guerreiras que levan a conquistar a terra prometida.*

*A segunda parte trata da repartición do país entre as tribos e da elección das vilas de refuxio e das cidades levíticas.*

*O apéndice recolle a despedida de Xosué, a renovación da Alianza e a morte do sucesor de Moisés.*

*A estrutura é a seguinte:*

6.1. *Conquista da terra prometida: **1**, 1-**12**, 24.*

*–Preparativos da ocupación do país: **1**, 1-**5**, 15.*

*–Accións guerreiras que levan á conquista do país, e lista de reis vencidos: **6**, 1-**12**, 24.*

6.2. *Repartición da terra prometida: **13**, 1-**21**, 45.*

*–As partillas: **13**, 1-**19**, 51 .*

*–Cidades de refuxio e cidades levíticas: **20**, 1-**21**, 45.*

6.3. *Apéndice: **22**, 1-**24**, 33.*

*–O altar da Transxordania: **22**, 1-3.*

*–Despedida de Xosué, renovación da Alianza e morte de Xosué**:** **23**, 1-**24**, 33.*

# XOSUÉ

## Xosué, sucesor de Moisés

**1** [1]Despois da morte de Moisés, servo de Deus, díxolle o Señor a Xosué, fillo de Nun, servo de Moisés: [2]–O meu servo Moisés morreu; así que agora, érguete e pasa o Xordán con todo este pobo, cara ao país que eu lles dou a eles, os fillos de Israel. [3]Calquera lugar que pise a planta dos vosos pés, volo entrego, tal como lle teño dito a Moisés. [4]Os vosos lindeiros irán desde o deserto e mais o Líbano Leste, ata o río Grande (o Éufrates), e todo o país dos hititas, ata o mar Grande, no Occidente. [5]Ninguén se che poderá arrepoñer durante toda a túa vida. Do mesmo xeito que estiven con Moisés, estarei tamén contigo: non che fallarei nin te abandonarei. [6]Sé rexo e valoroso, pois ti farás herdar a este pobo a terra que xurei aos seus devanceiros que lles había dar. [7]Soamente has de ser rexo e ter coraxe, para cumprir toda a Lei que dispuxo o meu servo Moisés. Non te desvíes dela nin á dereita nin á esquerda, de xeito que teñas boa andanza en todo o que acometas. [8]Endexamais non arredarás da túa boca o libro desta Lei: meditaralo de día e mais de noite, de xeito que cumpras todas as súas prescricións, pois daquela daráseche ben o teu camiño e terás boa andanza. [9]Logo non cho dixen xa?: sé rexo e valoroso; non teñas medo nin te empequenezas, pois o Señor, o teu Deus, estará contigo en todo o que acometas.

## Preparativos para o paso do Xordán

[10]Entón Xosué deu esta orde aos oficiais do pobo: [11]–Ide polo medio do campamento e pregoádelle á xente o seguinte: Collede provisións, pois dentro de tres días atravesaredes este Xordán, para tomardes posesión da terra que o Señor, o voso Deus, acordou que herdedes.

[12]E aos rubenitas, aos gaditas e á media tribo de Menaxés, díxolles Xosué: [13]–Lembrade aquilo que vos mandou Moisés, servo do Señor: "O Señor, o voso Deus, concédevos acougo, dándovos esta terra". [14]As vosas mulleres, os vosos rapaces e mais o voso gando, ficarán xa na terra que vos deu Moisés nesta banda do Xordán; pero vosoutros, todos os guerreiros, pasaredes armados diante de vosos irmáns e axudarédelos, [15]ata que o Señor lles dea acougo coma a vós, e tomen posesión tamén eles da terra que o Señor, o voso Deus, lles entregou. Daquela, volveredes á terra da vosa herdanza e tomaredes posesión dela –da que vos deu Moisés, servo do Señor– na banda oriental do Xordán.

[16]Eles respondéronlle a Xosué: –Faremos todo canto nos mandaches e iremos a onde queira que nos envíes. [17]Do mesmo xeito que obedecemos a Moisés, obedecerémosche a ti; abonda con que o Señor, o teu Deus, estea contigo como estivo con Moisés. [18]Quenquera que se arrepoña contra as túas decisións e non escoite as túas palabras, todo o que nos mandes, será entregado á morte. Ti soamente sé rexo e valoroso.

## Rahab e os espías de Iericó

**2** [1]Xosué, fillo de Nun, enviou ás caladas desde Xitim a dous militares de a pé, dicíndolles: –Ide ver o país, a Iericó.

**1**, 1 Este primeiro capítulo intenta enlazar o Libro de Xos co Libro do Dt, e pertence case totalmente ao redactor deuteronomista. Ten tres partes: un discurso do Señor a Xosué (**1**, 1-9), os mandatos de Xosué ao pobo (**1**, 10-15) e a resposta do pobo a Xosué (**1**, 16-18).

**1**, 3 Agora que van entrar no país, Deus recórdalle a Xosué a promesa de Dt **7**, 23-24 e **11**, 24-25.

**1**, 4 Trátase do territorio ideal, que non chegaron a conquistar ata os tempos de Salomón. O deserto ao que se refire é o de Sin (ao S do Négueb). A expresión "O Líbano Leste" quere distinguilo do Antilíbano. O "mar Grande" é o Mediterráneo. O país dos hititas expresión omitida polos LXX e mais pola Vulgata, alude á parte norte da Siria de entón, onde foron dar os hititas cando os botaron de Anatolia.

**1**, 14 Consecuente co pensamento deuteronomista (cf Introd. 5. 3), aínda que aquelas dúas tribos e media teñan xa a súa herdanza, han de axudar ás outras tribos a tomar posesión da súa partilla. Namentres que o elohista presenta os preparativos para unha ocupación pacífica (c. **11**), o redactor deuteronómico recolle o mandato de se preparar para unha confrontación militar (cf Dt **3**, 18-20).

**1**, 15 Para o deuteronomista a permanencia no país é signo clarísimo de bendición por parte de Deus. En tempos en que non se coñecía outro xeito de retribución, a procura desa felicidade terrea era un estímulo para o cumprimento da Alianza por parte do pobo.

**2**,1 O c. **2** de Xos é independente do capítulo anterior, e pertence máis que nada aos autores iavista e elohista. Preséntanos a primeira das tradicións etiolóxicas (cf Introd. 4) referidas a Iericó. Debía existir entre os israelitas o clan de Rahab, e explícase esa presenza polo trato cos espías enviados por Xosué. A outra tradición etiolóxica sobre Iericó, ofrecerásenos no c. **6**.

*Rahab* aparecerá no N. T., ao falar da xenealoxía de Xesús, e presentarase como nai de Boaz (Mt **1**, 5; cf 1 Cro **2**, 10s). Falarase tamén dela como "muller de fe" (Heb **11**, 31), e como prototipo da que fai obras boas (St **2**, 25). No

Eles foron e chegaron á casa dunha rameira chamada Rahab e pararon alí. [2]Mais foille anunciado ao rei de Iericó: –Velaquí que chegaron de noite algúns dos fillos de Israel para pescudar o país.

[3]O rei de Iericó mandou dicir a Rahab: –Bota para fóra os homes que chegaron onda ti que entraron na túa casa, pois viñeron pescudar todo o país.

[4]A muller collera os dous homes e acocháraos; e dixo: –Certo, viñeron onda min eses homes, pero eu non adiviñei de onde eran, [5]e aconteceu que, estando para pechar as portas, á caída da tarde, saíron e non sei para onde foron. Correde axiña detrás deles, pois habédelos de atrapar. [6](Pero ela fixéraos subir á azotea e acocháraos entre os feixes de liño que tiña amoreados na azotea).

[7]Os perseguidores botaron a correr detrás deles polo camiño do Xordán, cara aos baixíos, e, en saíndo eles, decontado atrancaron as portas. [8]Aínda os espías non se deitaran, cando subiu Rahab onda eles, á azotea, [9]e díxolles: –Ben sei que o Señor vos deu o país e o temor a vós estarrece, de xeito que todos os veciños do país están amedrentados por causa vosa, [10]pois temos oído que o Señor secou o mar Vermello diante de vós, cando saístes de Exipto; e tamén o que fixestes cos dous reis amorreos da outra banda do Xordán con Sihón e con Og, que os esnaquizastes. [11]Nada máis oílo, desfaleceron os nosos corazóns e xa non quedou alento en ningún de nós, por causa vosa, pois o Señor, o voso Deus, é Deus enriba nos ceos, e abaixo, na terra. [12]E agora, volo suplico, xurádeme polo Señor que, xa que tiven misericordia convosco, habédela ter tamén vós coa casa de meu pai, e que me daredes un sinal seguro [13]de que deixaredes con vida a meu pai e a miña nai, a meus irmáns e irmás, e todo o que lles pertence, arredando as nosas vidas da morte.

[14]Respondéronlle os homes: –Vaia a nosa vida pola vosa!, sempre que non denunciedes o noso argallo, se, cando o Señor nos entregue o país, non temos contigo misericordia e lealdade.

[15]Entón ela púxose a descolgalos cunha corda pola fiestra, pois a casa daba ao muro da vila (onda o muro vivía ela), [16]e díxolles: –Ide para o monte non sexa que dean convosco os perseguidores, e acochádevos aló durante tres días, ata que volvan eles; e despois, continuaredes o voso camiño.

[17]Dixéronlle entón os homes: –Nós queremos cumprir este xuramento que nos fixeches facer. [18]Velaquí que, cando entremos no país, haberás de ter esta cinta de fío escarlata atada na fiestra pola que nos baixaches; e a teu pai, a túa nai, a teus irmáns e a toda a casa de teu pai, axuntaralos contigo na túa casa. [19]Mais se alguén chega a saír das portas da túa casa, apandará el co seu sangue, sendo nós inocentes; en troques, seremos nós os responsables de quen estea contigo na casa: se alguén lle pon a man enriba, o seu sangue caerá sobre nós. [20]Pero se denuncias o noso argallo, quedaremos libres do xuramento que nos fixeches facer.

[21]Respondeu ela: –Que aconteza como dicides!

E despediunos e fóronse; e ela atou a cinta escarlata á fiestra. [22]Eles camiñaron e chegaron ao monte, e deixáronse estar alí tres días, ata que volveron os perseguidores. Estes rebuscaran por todo o camiño, pero non deran con eles. [23]E emprenderon retorno os dous homes. Baixaron do monte, pasaron o río, chegaron onda Xosué –o fillo de Nun–, e contáronlle todo o que lles acontecera. [24]E dixéronlle a Xosué: –De seguro que o Señor puxo todo o país nas nosas mans, pois todos os veciños do país están amedrentados por causa nosa.

### O paso do Xordán

**3** [1]E Xosué ergueuse de mañanciña, saíu de Xitim e chegou ata o Xordán, con todos os fillos de Israel; e pasaron a noite alí, antes de atravesaren. [2]Ao cabo de tres días, pasaron os oficiais polo medio do campamento,

xudaísmo ponse como exemplo do prosélito que abandona a vida pecadenta e acolle a fe de Israel.
*Xitim* está no Moab, a 11 ou 12 km do Xordán. Menciónase en Núm **25**, 1; **33**, 49. Xitim (lit. "xittim") significa "As Acacias". Iericó queda a 8 km ao O do Xordán, e a 300 m baixo o nivel do mar. A cidade de entón identificase con Tell-es-Sultán, que, segundo os datos da arqueoloxía, foi destruída entre o 1350 e o 1325, volvéndose a habitar, aínda que en menor extensión, entre o 1200 e o 900. Se ben o dato arqueolóxico non favorece o feito da ocupación polas armas, as tradicións independentes de Rahab (Xos **2** e **6**), xunto coa de **24**, 11 e mais a afirmación de **6**, 1, fan pensar no feito da conquista.

**2**, 17 En **2**, 17-20 vese que se lle poñen tres condicións a Rahab: que coloque a fita vermella na fiestra; que os seus familiares estean na súa casa; e que non diga nada. De non ser así, eles actuarán doutro xeito.
**2**, 18 O feito da cinta escarlata da cor do sangue, posiblemente teña relación con Éx **12**, 13: ao veren eles a fita vermella non derramarán sangue naquela casa.
**3**, 1 Os cc. **3-4** tratan do "paso do Xordán". No **5** ultímanse os preparativos para a conquista.
Ao longo de toda a narración pódese percibir a analoxía co relato da Pascua e do paso do mar Vermello (Éx **12-15**). Isto axuda moito á hora de determinar o xénero literario de Xos **3-5**, relacionado sen dúbida co santuario de

[3]e falaron ao pobo deste xeito: –Cando vexades a Arca da Alianza do Señor, o voso Deus, e os clérigos levitas que a levan, deixade os vosos postos e ide tras dela [4]para coñecer o camiño que seguiredes, pois non o pasastes nunca antes; mais habédesvos de afastar do Señor arredor de mil metros: non vos acheguedes máis.

[5]E dixo Xosué ao pobo: –Purificádevos, pois mañá fará o Señor marabillas no medio de vós.

[6]E díxolles aos sacerdotes: –Collede a Arca da Alianza e pasade diante do pobo.

Eles collérona e foron diante.

[7]Dixo o Señor a Xosué: –Hoxe comezarei a engrandecerte diante de todo Israel, para que se decaten de que estou contigo, como estiven con Moisés. [8]Ti mándalles isto aos sacerdotes que levan a Arca da Alianza: "En canto cheguedes a carón das augas do Xordán, detédevos no Xordán".

[9]E dixo Xosué aos fillos de Israel: –Achegádevos aquí e escoitade as palabras do Señor, o voso Deus. [10]E engadiu: –Nisto coñeceredes que o Deus vivo está entre vós e que ha de botar de diante de vós os cananeos, os hititas, os hivitas, os pericitas, os guirgaxitas, os amorreos e os iebuseos. [11]Velaquí que a Arca da Alianza do dono de toda a terra vai pasar o Xordán diante de vós; (e agora[12], escollede doce homes de entre as tribos de Israel, un por tribo), [13]e, cando as plantas dos pés dos sacerdotes que levan a Arca do Señor do dono de toda a terra se pousen nas augas do Xordán, acontecerá que as augas do Xordán quedarán cortadas (as augas que veñen de arriba) e formarán un bloque á parte.

[14]E o pobo botou a andar, desde onde tiña as tendas, para pasar o Xordán; e os sacerdotes levaban a Arca da Alianza diante do pobo. [15]E, en chegando ao Xordán os que levaban a Arca e mollárense na ribeira os pés dos sacerdotes que levaban a Arca –pois o Xordán enche as súas ribeiras todo o tempo da recolleita–, [16]detivéronse as augas do Xordán que viñan de arriba e erguéronse en bloque á parte moi lonxe, en Adam (a vila que está a carón de Saretán); e as que baixaban cara ao mar da Arabah –o mar do Sal–, remataron tamén totalmente cortadas: e o pobo atravesou por fronte de Iericó. [17]E os sacerdotes que levaban a Arca da Alianza do Señor, mantivéronse ergueitos en seco, no medio do Xordán, namentres todo Israel atravesaba polo seco, ata que toda a xente deu pasado o Xordán.

### As pedras conmemorativas do paso

**4** [1]Despois de que toda a xente pasara o Xordán, díxolle o Señor a Xosué: [2]–Escollede doce homes de entre o pobo, un por cada tribo, [3]e mandádelles isto: "Erguede de aí, do medio do Xordán, do sitio onde estiveron firmes os pés dos sacerdotes, doce pedras; carrexádeas e fixádeas no lugar onde ides facer noite hoxe".

[4]E chamou Xosué os doce homes que escollera de entre os fillos de Israel un por cada tribo, [5]e díxolles: –Pasade diante da Arca do Señor, o voso Deus, ao medio do Xordán, e erguede nos ombros cada un de vós unha pedra, de acordo co número de tribos dos fillos de Israel, [6]para que isto sexa un sinal no medio de vós. E, cando o día de mañá vos pregunten vosos fillos, que sentido teñen para vós esas pedras, [7]responderédeslles que as augas do Xordán estiveron cortadas diante da Arca da Alianza do Señor ao pasar o Xordán: cortáronse as augas do Xordán, e velaquí estas pedras como lembranza para os fillos de Israel decote.

[8]E os fillos de Israel fixeron tal como mandara Xosué: colleron doce pedras do medio do Xordán, como indicara o Señor a Xosué, segundo o número de tribos dos fillos de Israel, e leváronas con eles e fixáronas no lugar onde fixeron noite.

Guilgal. O texto de Xos diferénciase do relato do Éx pola procesión coa Arca da Alianza, namentres que no Éx é a man de Moisés a que provoca o milagre (cf Éx **14**, 26-27). O colorido do paso do Xordán é litúrxico. No texto atopamos vestixios das catro fontes que aparecen xa no Pentateuco.

Na historia deuteronomista o paso do Xordán ten fundamental importancia, pois marca a consumación dos feitos de Deus, en cumprimento da promesa.

**3**, 4 *Mil metros*: o texto orixinal di "dous mil cóbados".

**3**, 5 *Purificarse* (literalmente "santificarse"), alude á preparación ritual para se presentar diante de Deus (cf Éx **19**, 10-15).

**3**, 10 Os máis importantes de todos eles son os cananeos da costa fenicia (Xos **13**, 4; Is **23**, 11) e os amorreos das montañas (Núm **13**, 29). Uns e outros eran semitas.

**3**, 12 Este v. está fóra de sitio e rompe o sentido da narración. A mesma idea repítese máis adiante (**4**, 2), e alí véselle unha razón de ser (cf **4**, 4-7).

**3**, 16 O paso do Xordán preséntase en termos semellantes aos empregados no paso do mar Vermello. O interese do autor, máis ca histórico, é teolóxico, tendente a anunciar que o Señor cumpre as súas promesas, por medio da Arca da Alianza e do seu servo Xosué.

**4**, 1 No c. **1** hai que distinguir dúas recensións paralelas: a da fundación do santuario de Guilgal, mediante a erección de doce estelas, e a das doce pedras no medio do río. Unha e mais a outra teñen colorido etiolóxico (cf Introd. 4).

**4**, 8 O relato intenta atribuír aos tempos de Xosué os comezos do que máis adiante chegaría a ser o santuario de Guilgal: a sé do Congreso das doce tribos de Israel.

9E Xosué fixo colocar doce pedras no medio do Xordán, no lugar onde se pousaran os pés dos sacerdotes que levaban a Arca da Alianza, e permaneceron alí ata o día de hoxe.
10E os sacerdotes que levaban a Arca estiveron ergueitos no medio do Xordán, ata o remate de todo o discurso que o Señor mandou a Xosué proclamar ao pobo (segundo todo o que mandara Moisés a Xosué). Daquela, o pobo deuse présa e atravesou. 11En pasando a totalidade do pobo, pasaron tamén a Arca do Señor e mais os sacerdotes e fóronse colocar diante do pobo. 12E pasaron os fillos de Rubén e os fillos de Gad e mais a media tribo de Menaxés, armados, diante dos fillos de Israel, segundo lles tiña dito Moisés: 13uns corenta mil soldados listos para a loita pasaron diante do Señor cara ás chairas de Iericó. 14No día aquel engrandeceu o Señor a Xosué diante de todo Israel e respectárono como respectaron a Moisés todos os días da súa vida. 15E dixo o Señor a Xosué: 16–Mandade que suban do Xordán os sacerdotes que levan a Arca do Testemuño.
17E ordenoulles Xosué: –Subide do Xordán.
18E aconteceu que, en subindo do medio do Xordán os sacerdotes que levaban a Arca da Alianza do Señor, cando puxeron os pés en terra firme, tornaron as augas do Xordán ao seu sitio e correron como antes por todas as súas ribeiras. 19O pobo subiu do Xordán o décimo día do primeiro mes e acampou en Guilgal, ao oriente de Iericó. 20E Xosué mandou erixir en Guilgal as doce pedras aquelas que colleran do Xordán. 21E díxolles aos fillos de Israel: –O día de mañá, cando vosos fillos pregunten a seus pais, que sentido teñen as pedras estas, 22instruiredes a vosos fillos, dicindo: "Por terra seca pasou Israel este Xordán, 23pois o Señor, o voso Deus, fixo secar as augas do Xordán diante de vós ata que pasastes, como xa fixera co mar Vermello, que o secou diante de nós ata que o atravesamos, 24para que coñezan todos os pobos da terra que a man de Deus é poderosa e para que temades decote ao Señor, o voso Deus".

### Os nativos, amedrentados ante Israel

**5** 1Cando os reis amorreos da banda occidental do Xordán e todos os reis cananeos de onda o mar, souberon que o Señor secara as augas do Xordán diante dos fillos de Israel, ata que o atravesaron, desfaleceu o seu corazón e non quedou xa alento neles por mor dos fillos de Israel.

### Xosué circuncida o pobo en Guilgal

2Daquela, dixo o Señor a Xosué: –Fai coitelos de pedra, e, unha vez máis, bótate a circuncidar os fillos de Israel.
3E fixo Xosué coitelos de pedra e circuncidou os fillos de Israel, no Outeiro dos Prepucios. 4A razón pola que Xosué se puxo a circuncidar foi esta: todo o pobo que saíra de Exipto os homes, todos os guerreiros, morreran no deserto, polo camiño, ao saíren de Exipto. 5Así que fora circuncidada toda a xente que saíra de Exipto; pero a que nacera no deserto, polo camiño, na súa fuxida de Exipto, non estaba circuncidada. 6De feito, os fillos de Israel botaron corenta anos polo deserto, ata o acabamento de toda a xeración de guerreiros saídos de Exipto, que non escoitaran a voz do Señor, polo que o Señor lles xurara privarlles ver a terra que prometera a seus pais que había de nos dar, unha terra que deita leite e mel. 7E foi a seus fillos –aos que xurdiron no sitio deles–, a quen circuncidou

**4**, 9 O número doce cóllese do Congreso xa establecido, e retrotráese ata entón. O elemento histórico e litúrxico cede ante o interese do autor de mostrar a íntima relación entre o Israel dos seus tempos e o dos tempos de Xosué.
**4**, 16 *Arca do Testemuño* é un dito característico do autor sacerdotal, alusivo ás táboas da lei, gardadas na Arca, e que contiñan o «testemuño de Deus», os seus mandamentos (cf Éx **31**, 18; **32**, 15; **34**, 29).
**4**, 19 Este v. pertence ao autor sacerdotal, quen fai coincidir aquel intre co comezo da Pascua e co Éxodo de Exipto: o día décimo do primeiro mes, do mes de *Nisán* (cf Éx **12**, 2-3. 51).
O vocábulo "Guilgal" significa "facer rodar", e mais "circo de pedras". Designa un lugar situado entre o Xordán e Iericó, pero que está aínda sen identificar. O seu santuario chegará a ser o máis importante para a tribo de Benxamín nos tempos de Samuel e de Xaúl. Non obstante, no século oitavo será rexeitado polos profetas Oseas (**4**, 15; **9**, 15) e Amós (**4**, 4; **5**, 5), debido á ruindade dos que alí acudían.
**5**, 1 Onde o texto hebreo di "reis cananeos", os LXX poñen "reis de Fenicia". A realidade vén ser a mesma (cf **3**, 10 nota).
Traducimos "o atravesaron" onde outros poñen "o atravesamos", por ter máis en consideración unha variante con forma aramea e que vai en terceira persoa de plural.
**5**, 2 Aínda que o autor deuteronómico retrotrae a circunción ata antes do Éxodo e o sacerdotal mesmo ata os tempos de Abraham (cf Xén **17**), isto viña provocado por preocupacións teolóxicas. O máis probable é que os israelitas non estivesen circuncidados en Exipto, ao revés do que acontecía cos madianitas daqueles tempos (cf Éx **4**, 24-26).
**5**, 3 Trátase dunha tradición topográfica etiolóxica, dando razón do "Outeiro dos Prepucios".

Xosué, pois eran incircuncisos, ao non seren
circuncidados polo camiño. 8E velaquí que,
cando se rematou de circuncidar toda a xen-
te, permaneceron nos seus postos no campa-
mento, ata que sandaron. 9E dixo o Señor a
Xosué: –Hoxe quiteivos de enriba o oprobio
de Exipto.

A aquel sitio, puxéronlle de nome Guilgal,
e aínda hoxe se chama así.

### A primeira Pascua na terra de Canaán

10Os fillos de Israel acamparon en Guil-
gal e celebraron a Pascua no décimo cuarto
día do mes, polo serán, nas chairas de Ieri-
có. 11No día seguinte á Pascua, comeron dos
produtos do país: bolos ácimos e espigas to-
rradas, no mesmo día. 12E, ao día seguinte de
comeren do froito da terra, cesou o maná, e
en adiante xa non houbo maná para os fillos
de Israel: aquel ano comeron do produto da
terra de Canaán.

### Deus, do lado de Xosué para comezar a conquista

13Aconteceu que, estando Xosué en Ieri-
có, ergueu os ollos e viu un home ergueito
diante del, coa espada desenvaiñada na súa man.
Xosué achegóuselle e díxolle: –Ti es dos no-
sos ou do inimigo?

14El respondeulle: –Non: eu son o príncipe
do exército do Señor e acabo de chegar.

Daquela, caeu Xosué de xeonllos en terra
e adorouno. E díxolle: –Que quere mandar o
meu Señor ao seu servo?

15Respondeulle o príncipe do exército do
Señor a Xosué: –Descálzate, pois o lugar
onde te atopas é santo.

E así fixo Xosué.

### A conquista de Iericó

**6** 1As portas de Iericó estaban ben pechadas
e atrancadas por mor dos fillos de Israel:
ninguén saía nin entraba. 2E o Señor dixo
a Xosué: –Mira que poño nas túas mans a
Iericó, o seu rei e mais os seus defensores.
3Vós, todos os guerreiros, circundaredes a
vila unha vez, dándolle un rodeo. E faredes
así durante seis días. 4Sete sacerdotes levarán
sete trompetas de corno de carneiro, diante
da Arca. O sétimo día circundaredes a vila
sete veces e os sacerdotes tocarán as trompe-
tas. 5E, cando soe o corno de carneiro, en es-
coitando vós o son da trompeta, bruará todo
o pobo con gran berro. Entón virase abaixo o
muro da vila e subirá a eito todo o pobo.

6Xosué, fillo de Nun, chamou polos sacer-
dotes e díxolles: –Traede a Arca da Alianza
e que sete sacerdotes leven sete trompetas de
carneiro diante da Arca do Señor.

7Logo díxolle ao pobo: –Ide alá e circun-
dade a vila e que os guerreiros pasen diante
da Arca do Señor.

8Logo que Xosué falou ao pobo, os sete
sacerdotes que levaban sete trompetas de
carneiro pasaron diante do Señor e sopraron
nas trompetas e a Arca da Alianza do Señor
ía detrás deles. 9Os homes da vangarda ían
diante dos sacerdotes que sopraban nas trom-
petas, namentres que a retagarda ía detrás
da Arca do Señor; e camiñábase ao son das
trompetas. 10Xosué deulle ao pobo esta orde:
–Non berredes nin deixedes oír a vosa voz,
nin saia sequera unha palabra da vosa boca,
ata o día que vos diga que bruedes. Daquela,
berraredes.

11Fixo entón que a Arca da Alianza circun-
dase a vila, dándolle o rodeo unha vez; des-

**5**, 9 *O oprobio de Exipto* vén ser a escravitude, simbolizada pola non circuncisión. Ao pasaren o Xordán e celebrar a Alianza na terra do Señor, terminou o oprobio de Exipto, pois fixo Deus que "rodase para fóra". Xoga o autor co termo "Guilgal", facendo referencia ao oprobio removido alí e mais ás "rodas de prepucios". Definitivamente deixaron de estar asoballados ou mesmo en terra allea, para viviren na terra prometida polo Señor. A circuncisión reflicte a Alianza entre Israel e o seu Deus.

**5**, 10 O estar circuncidado era condición indispensable para participar na comida pascual (Éx **12**, 44). Así que o autor, coa mentalidade do seu tempo, e quizais pensando tamén no "Outeiro dos Prepucios" (**5**, 3), coida que Xosué se tivo que meter, antes que nada, a circuncidar a xente.

O Año pascual, que se escollía o dez de *Nisán* (Éx **12**, 3; cf Xos **4**, 19 nota), non se mataba ata o catorce do mesmo mes (Éx **12**, 6). Comíase o día quince.

**5**, 12 Este v. depende de Éx **16**, 35.

**5**, 14 O Señor pódese aparecer de diversos xeitos: como se manifestara a Moisés na silveira que ardía (Éx **3**, 2-6), móstrase agora baixo unha semellanza de home. E, o mesmo que cando se lle mostrou a Moisés, quere agora indicar que El xa está disposto para axudar ao seu pobo na ocupación do país.

A teofanía ten como razón de ser dar autenticidade a personalidade de Xosué e consagrar aquel lugar.

**5**, 15 O paralelismo coa manifestación de Deus a Moisés (Éx **3**, 5) está claro.

**6**, 1 O c. **6** de Xosué trata da conquista de Iericó. A narración débese principalmente aos autores iavista e elohista, pero foi moi retocado polas escolas seguintes.

No texto actual pódense distinguir dous relatos principais: nun deles a marcha dura sete días, e, ao dar Xosué o sinal, caen os muros da vila; no outro, estes caen en soando o corno e as sete voltas á vila danse nun só día. As abondas alteracións do texto procuran a reconciliación dos dous relatos.

**6**, 3 Hai todo un ritual litúrxico, que han de levar adiante os israelitas. A acción deles non se presenta como decisiva: é a man de Deus a que provoca o resultado.

**6**, 4 Parece un rito case máxico: sete sacerdotes - sete trompetas - sétimo día - sete veces.

pois, volveron para o campamento e fixeron noite alí. [12]Xosué ergueuse de mañanciña e os sacerdotes colleron a Arca do Señor. [13]Os sete sacerdotes que levaban sete trompetas de carneiro diante da Arca do Señor ían camiñando ao mesmo tempo que sopraban nas trompetas. A vangarda ía diante deles e a retagarda ía detrás da Arca do Señor; e camiñábase ao son das trompetas. [14]E no segundo día tamén rodearon a vila unha vez e volveron logo ao campamento. Así fixeron durante seis días. [15]No día sétimo erguéronse moi de mañanciña e rodearon a vila do mesmo xeito, sete veces. Só nese día circundaron a vila sete veces. [16]A sétima volta sopraron os sacerdotes nas trompetas; e dixo Xosué ao pobo: –Berrade, pois o Señor entrégavos a vila. [17]Facede interdito dela e de canto haxa nela, para o Señor: tan só seguirán con vida Rahab a prostituta, e todo o que estea con ela na casa, pois acochou os mandadeiros que enviaramos. [18]Soamente vos digo: gardádevos ben do interdito, non sexa que, por cobiza, collades del e volvades interdito o campamento de Israel, traéndolle a desgraza. [19]Todo o que sexa prata, ouro ou vasos de bronce ou de ferro será consagrado ao Señor e pasará ao tesouro do Señor.

[20]Bradou o pobo e sopraron nas trompetas; e, cando oíu a xente o soar da trompeta, deu o pobo un gran berro e derrubáronse os muros; subiu a eito o pobo á vila e ocupárona. [21]E destruíron todo o que había na vila: homes e mulleres, mozos e vellos, bois, ovellas e burros, co gume da espada.

### Ao respecto do xuramento feito a Rahab

[22]Pero Xosué xa lles encomendara aos dous que foran pescudar o país: –Entrade na casa da rameira, e sacade de alí á muller e a todo o que teña con ela, segundo lle xurastes.

[23]Foron os mozos espías e sacaron a Rahab, a seu pai e súa nai, a seus irmáns e a todo o que tiña ela: sacaron toda a súa parentela e puxéronos fóra do campamento de Israel. [24]Entón prendéronlle lume á vila, con todo o que había nela, fóra da prata, ouro e vasos de bronce e de ferro, que os puxeron no tesouro da casa do Señor. [25]En troques, deixou Xosué con vida a Rahab –a prostituta– xunto coa casa de seu pai e mais con todo o que tiña con ela; e residiu no medio de Israel ata o día de hoxe, pois acochou os mandadeiros que enviara Xosué para pescudar Iericó.

### Maldición para quen reedifique Iericó

[26]Daquela, botou Xosué este xuramento: –Sexa maldito diante do Señor quenquera que se poña a edificar esta vila de Iericó: comezará a edificala sobre o seu primoxénito e sobre o fillo máis novo colocará as súas portas.

[27]O Señor estivo con Xosué e a súa sona espallouse por todo o país.

### Israel e o interdito

**7** [1]Pero os fillos de Israel foron desleais no tocante ao interdito, por colleren del Acán, fillo de Carmí, fillo de Zabdí, fillo de Zérah, da tribo de Xudá. Entón prendeu a ira do Señor contra os fillos de Israel.

### Primeiro ataque a Ai e desfeita de Israel

[2]Xosué mandou homes desde Iericó a Ai que está a carón de Bet-Aven, ao oriente de Betel, dicíndolles: –Subide e ollade a zona.

Foron os homes e recoñeceron a vila. [3]E volveron onda Xosué e dixéronlle: –Que non suba todo o pobo; que suban dous ou tres mil homes e baterán a Ai; non canses a todo o pobo facéndoo ir aló, pois eles son poucos.

**6**, 11 Feitos todos os preparativos, comeza a posta en práctica do mandado por Xosué.
**6**, 17 Este v. e mais os dous seguintes preparan o episodio de Acán (Xos **7**). A palabra hebrea traducida por "interdito" é "hérem", que significa "sacrosanto". Vén equivaler a aquilo ao que se renuncia por un voto feito a Deus ou polo mandato divino na guerra santa (cf 1 Sam **15**, 3ss). Exterminar as cidades conquistadas e dedicalas ao propio deus era algo moi común no mundo semítico antigo. Na Estela de Mexa, rei do Moab, inscrición do século noveno, dise que Mexa matou os sete mil habitantes dunha vila israelita e consagrou a Kemox o que antes estaba dedicado a Iavé. Tamén en Israel estaba ben vista a consagración do conquistado a Iavé (cf 1 Sam **21**, 5; 2 Sam **11**, 11).
**6**, 21 Considerado desde un tempo posterior, cando o pobo xa se contaxiara dos costumes pagáns e actuaba contra as disposicións de Deus, preséntase entón como ideal na conquista a ofrenda da cidade a Iavé, destruíndo todo o que fora pagán ou que se relacionase con el.
**6**, 22 Cf **2**, 1. 12-14. 17-21.
**6**, 26 O xuramento de Xosué atopa o cumprimento en Hiel de Betel (cf 1 Re **16**, 34).
**6**, 27 Este v. móstranos a preocupación do autor de enxalzar a Xosué, presentándoo como semellante a Moisés e agradable aos ollos de Deus (cf **5**, 13-15).
**7**, 1 O relato de Acán ten como finalidade o facer ver que a obediencia a Deus reporta bos froitos para o pobo, namentres que a desobediencia, incluso a dun home só, trae o mal para todos. Acán faltou ao precepto do Dt **13**, 18 e Lev **27**, 28.
Na narración inclúense dúas etioloxías: dáse razón do "Val de Acor" (**7**, 24. 26) e do "monte de pedras" (**7**, 26).

[4]Entón subiron uns tres mil de entre o pobo e fuxiron diante dos homes de Ai. [5]E os homes de Ai matáronlles uns trinta e seis e perseguíronos desde diante da porta ata Xebarim, baténdoos na baixada. Daquela, disolveuse o corazón do pobo e fíxose coma auga. [6]Xosué rachou as súas vestiduras e prostrouse co rostro por terra ata o serán diante da Arca do Señor, el e mais os anciáns de Israel; e botaron po nas súas cabezas. [7]E dixo Xosué: –Ah, meu Señor Iavé!: Por que fixeches pasar o Xordán a este pobo, para poñéresnos nas mans dos amorreos e esborrallarnos? Oxalá intentásemos quedar na outra banda do Xordán! [8]Meu Señor! E que hei dicir, despois de que Israel volveu o lombo diante dos seus inimigos? [9]Oirano os cananeos e todos os veciños do país, e estreitarán o cerco contra nós e borrarán da terra o noso nome. E que farás ti do teu gran nome?

[10]E dixo o Señor a Xosué: –Érguete! Por que fas iso: abatéreste sobre o teu rostro? [11]Pecou Israel, fenderon o meu pacto, o que lles encomendara; botaron man do interdito, roubándoo e acochándoo e poñéndoo despois cos seus arreos. [12]Por iso os fillos de Israel non poderán levantar cabeza diante dos seus inimigos; volveranlles o lombo, pois incorreron no interdito. Non continuarei estando convosco, se non quitades o interdito do medio de vós. [13]Ti, érguete, purifica o pobo, e dilles: "Mantédevos puros para mañá, pois así di o Señor, Deus de Israel: Non poderás estar rexo fronte aos teus inimigos, ata que removades o interdito do medio de vós. [14]Achegarédesvos na mañá, por tribos; e a tribo que de nós sinale o Señor, virá por familias; e a familia que escolla o Señor, comparecerá por casas; e a casa que de entre nós sinale o Señor, acudirá por homes. [15]E aquel que fose pillado co interdito será queimado na fogueira el e todo o que lle pertence, pois rompeu a Alianza do Señor e fixo unha ruindade en Israel".

### A ruindade de Acán

[16]Xosué ergueuse pola mañanciña, e mandou comparecer a Israel, segundo as súas tribos; e foi designada a tribo de Xudá. [17]E fixo acudir as familias de Xudá, e escolleu a familia do Zarhí; e fixo achegarse a familia do Zarhí por casas, e foi escollida a casa de Zabdí; [18]e fixo comparecer a súa casa por homes, e foi sinalado Acán, fillo de Carmí, fillo de Zabdí, fillo de Zérah, da tribo de Xudá. [19]E díxolle Xosué a Acán: –Anda, filliño, dá gloria e loanza ao Señor, Deus de Israel, e cóntame o que fixeches, sen me ocultares cousa.

[20]Respondeu Acán a Xosué: –De certo, pequei contra o Señor, Deus de Israel, e fixen isto e mais isto: [21]vin nos despoxos un bo manto de Xinar, douscentos siclos de prata e mais un lingote de ouro de cincuenta siclos de peso. Cobiceinos e collinos. Están agachados en terra, no medio da miña tenda, cos cartos por debaixo.

[22]E enviou Xosué mandadeiros, que correron en dirección á tenda; e velaquí que estaba todo acochado na súa tenda, cos cartos por debaixo. [23]Colléronos do medio da tenda, e levánronllelos a Xosué e a todos os fillos de Israel e puxéronos no chan, diante do Señor.

### Castigo de Acán

[24]E colleu Xosué a Acán, fillo de Zérah, cos seus cartos, o manto, o lingote de ouro, seus fillos e fillas, o seu burro, o seu gando, a súa tenda e todo o que tiña –en presenza de todo Israel–, e leváronos ao Val de Acor. [25]E dixo Xosué: –Como nos atribulaches dese xeito? Pois que o Señor te desgracie hoxe a ti!

E todos os israelitas apedrárono, e queimáronos na fogueira e amorearon pedras enriba deles, [26]e fixeron alí un monte grande de

**7**, 12 As cousas sagradas, na mentalidade xudía, afectan aos que se aproximan a elas. Por iso, se alguén falta ao "interdito", ao "sacrosanto", contamínanse todos. Así que procedía borrar de raíz a Acán con todo o que era seu, como rito de purificación do Pobo. Entre as vítimas, cóntanse a muller e majs os fillos, pois considerábanse como bens do marido (cf Éx **20**, 17; Núm **16**, 32; Dt **5**, 21). Contra o costume de matar os fillos por culpa dos pais, falará o Dt (**24**, 16), e mais os profetas Xer (**31**, 20) e Ez (**18**, 4).
**7**, 14 O procedemento de botar sortes diante de Deus, era o que se seguía normalmente entre os pobos relixiosos do Antigo Oriente.
**7**, 17 Escóllese a variante que di "familias" en vez de "familia", en consonancia co que din tamén os LXX e a Vulgata.
**7**, 23 O texto hebreo di "puxéronos fóra". O sentido reflícteo mellor a versión dos LXX: "Puxéronos diante de Iavé": El estaba presente, na Arca, e a El pertencía todo o que collera Acán.
**7**, 24 *Val de Acor* significa "Val da Desgraza". No v. seguinte, Xosué emprega o verbo "acar" para lle botar en cara a Acán o atribulalos así. O autor xoga co vocábulo, dando razón do nome do val e aplicándoo ao castigo de Acán pola desgraza que lle trouxo a Israel.
**7**, 26 É outra etioloxía: ao existir un outeiro, por acumulación de restos, relaciónase co feito de Acán, e dáse razón del polo de Acán.
O botar pedras enriba dos axustizados, era algo moi común (cf **8**, 29; 2 Sam **18**, 17).

pedras, que permaneceu ata o día de hoxe. E depuxo o Señor a súa ira. Por iso chaman a aquel sitio aínda hoxe o Val de Acor.

**8** [1]E dixo o Señor a Xosué: –Non temas nin te desanimes: colle contigo todo o teu exército e anda, sube contra Ai. Velaquí que entrego nas túas mans o rei de Ai, o seu pobo, a súa vila e mais o seu país. [2]Farás con Ai e co seu rei como fixeches con Iericó e co seu rei. Soamente colleredes para vós, como botín, os seus despoxos e mais o seu gando. Faille unha emboscada á vila polas costas.

[3]E ergueuse Xosué e todo o seu exército, para subir contra Ai; e escolleu Xosué trinta mil guerreiros e envíounos de noite, [4]despois de ordenarlles: –Fixádevos ben: poñede unha emboscada á vila, por detrás; non vos afastedes moito da vila, e estade á espreita. [5]Eu, e mais todo o pobo que vaia comigo, achegarémonos á vila e, cando saian ao noso encontro, fuxiremos diante deles, como da outra vez. [6]Eles sairán detrás de nós ata que os arredemos da vila, pois dirán: "Foxen de nós como da outra vez"; e fuxiremos diante deles. [7]Entón erguerédesvos da emboscada e ocuparedes a vila, pois o Señor, o voso Deus, púxovola nas mans; [8]e, cando a ocupedes, prenderédeslle lume; habedes de actuar de acordo coa palabra do Señor. Fixádevos no que vos mando.

[9]E envíounos Xosué e foron poñer a emboscada, colocándose entre Betel e Ai, ao oeste de Ai. Aquela noite, durmiu Xosué entre o pobo. [10]Xosué ergueuse de mañanciña, pasou revista ás tropas e subiu el e mais os anciáns de Israel, fronte ao pobo de Ai. [11]Subiu tamén todo o exército que tiña con el e avanzaron, ata chegaren fronte á vila. Acamparon ao oriente de Ai, quedando o val entre eles e Ai. [12](E Xosué collera arredor de cinco mil homes, que os puxera na emboscada, entre Bétel e Ai, ao oeste da vila; [13]e o pobo estableceu todo o campamento ao norte da vila e a súa retagarda ao oeste da vila. E Xosué pasou aquela noite no val).

[14]Ao tal ver o rei de Ai, buliron axiña e espertaron os homes da cidade, que se ergueron cedo. E saíron a loitar contra Israel, o rei e todo o seu pobo, no tempo sinalado, fronte á Arabah, sen se decataren de que lles tiñan posta unha emboscada detrás da vila. [15]Xosué e mais todo Israel arredáronse de diante deles e colleron polo camiño do deserto. [16]E todo o pobo que estaba na vila sentiuse movido a perseguilos; e abouxaron a Xosué e afastáronse da vila, [17]e non quedou un na vila que non saíse detrás de Israel: deixaron a vila aberta e perseguiron a Israel. [18]E dixo o Señor a Xosué: –Brande a lanza que levas na man contra Ai, pois voucha entregar.

E brandiu Xosué contra a vila a lanza que tiña na man. [19]Non ben estendeu Xosué a súa man, os da emboscada erguéronse axiña do seu refuxio, correron, e, entrando na vila, ocupárona; e decontado, prendéronlle lume. [20]Ollaron para atrás os homes de Ai e viron que subía fume da vila cara ao ceo e que non tiñan posibilidade de fuxir para parte ningunha, pois o pobo que collera cara ao deserto, tornou contra quen perseguía [21](pois Xosué e todo Israel, ao se decataren de que os da emboscada tomaran a vila, e que subía fume dela, volveron e atacaron aos homes de Ai). [22]Os da emboscada saíron da vila contra os homes de Ai, de xeito que estes quedaron collidos por Israel por un lado e mais polo outro; e bateron neles, ata non deixaren un sobrevivente nin un fuxitivo. [23]E colleron vivo ao rei de Ai, e leváronllo a Xosué. [24]E, cando Israel terminou de matar a todos os veciños de Ai que saíran ao campo, e no deserto –onde os abouxaran estes, caendo todos polo gume da espada–, volveu todo Israel a Ai e pasárona polo gume da espada. [25]E os mortos naquel día, entre homes e mulleres, foron doce mil, toda a xente de Ai. [26]E Xosué non pousou a súa man ata que exterminou a todos os veciños de Ai. [27]Os de Israel soamente colleron como botín para eles o gando e os despoxos daquela vila, de acordo co mandato do Señor a Xosué. [28]Xosué queimou Ai e fixo dela un monte asolado, ata o día de hoxe: [29]e ao rei de Ai colgouno dunha árbore ata o serán; e, cando se foi o sol, mandou Xosué que baixasen o seu cadáver da árbore e que o chimpasen á entrada da porta da vila. E botáronlle enriba un monte grande de pedras, que quedou ata o día de hoxe.

**8**, 1 O c. **8** do libro de Xos trata da conquista de Ai. O texto pertence fundamentalmente aos autores iavista e elohista. A narración non está moi lograda, pois hai repeticións e incluso certa oposición entre un relato e o outro. Por outra banda, a xulgar polos testemuños arqueolóxicos, parece que Ai non estaba habitada nos tempos da conquista. Posiblemente se trate doutra acción guerreira dos israelitas quizais a batalla de Guibah (Xuí **20**, 1-48), e aplicáronlle o esquema a Ai. A vila de Ai dos tempos da Biblia localízase na actual Et-Tell, situada 2 ou 3 km ao SL de Betel, no territorio de Benxamín.

**8**, 13 Este v., feito por un redactor, tenta harmonizar os dous relatos contrapostos que nos foron ofrecendo o iavista e o elohista. A versión dos LXX suprímeo.

### O altar no monte Ebal. Nova lectura da Lei

30Entón construíu Xosué un altar ao Señor, Deus de Israel, no monte Ebal, 31de
acordo co mandado por Moisés, servo de
Deus, aos fillos de Israel, como está escrito
no libro da Lei de Moisés: un altar de pe-
dras intactas, que non as traballase o ferro;
e ofreceron nel holocaustos ao Señor e sa-
crificios pacíficos. 32E gravou alí nas pedras
unha reprodución da Lei de Moisés, que es-
cribira diante dos fillos de Israel. 33E todo
Israel os seus anciáns, os seus oficiais e os
seus xuíces, estaban dunha e doutra banda
da Arca, diante dos sacerdotes levitas que
levaban a Arca da Alianza do Señor: coma
o nativo, así o forasteiro. A metade, de fron-
te ao monte Garizim, e a outra metade, de
fronte ao monte Ebal, como establecera
Moisés, servo do Señor, ao comezo, para
bendicir o pobo de Israel. 34Así dispostos,
leu Xosué todas as palabras da Lei loanzas
e maldicións, de acordo con todo o escrito
no libro da Lei. 35Non houbo palabra de to-
das as que mandou Moisés que non as lese
Xosué diante de toda a asemblea de Israel,
e mais diante das mulleres, dos nenos e dos
forasteiros que vivían entre eles.

### Os nativos, amedrentados

**9** 1En oíndo isto todos os reis da beira do
Xordán, das montañas e da Xefelah e de
todas as costas do mar Grande de fronte ao
Líbano –os hititas, os amorreos, os cananeos,
os pericitas, os hivitas e os iebuseos–, 2pre-
paráronse todos á xunta para loitaren contra
Xosué e contra Israel, todos eles de acordo.

### A xogada dos de Gabaón

3Os veciños de Gabaón oíron o que fixera
Xosué con Iericó e con Ai, 4e actuaron tamén
eles con astucia, intentando pasar por man-
dadeiros. E colleron sacos vellos para os seus
burros e coiros de viño vellos, e semellaban
fendidos e agoniados, 5con calzados vellos e
remendados nos seus pés e vestindo roupa
gastada; e todo o pan do seu fornecemento
estaba balorecido e esmigallado. 6E foron
onda Xosué, ao campamento de Guilgal, e
dixéronlle a el e mais a todos os homes de
Israel: –Vimos de terra remota para che pe-
dirmos que fagas un trato connosco.

7E respondéronlles os homes de Israel aos
hivitas: –Pode que habitedes entre nós, e en-
tón, como imos facer un trato convosco?

8Eles dixéronlle a Xosué: –Somos os teus
servos.

Daquela, preguntoulles Xosué: –Quen so-
des e de onde vides?

9Respondéronlle: –Os teus servos veñen
dunha terra moi remota, por mor do nome
do Señor, o teu Deus, pois chegou aos nosos
oídos a súa sona, todo o que fixo en Exip-
to 10e o que fixo cos dous reis amorreos da
outra banda do Xordán: con Sihón, o rei
de Hexbón, e con Og, o rei do Baxán, que
vivía en Axtarot. 11E dixéronnos os anciáns
e todos os veciños da nosa terra: "Collede
convosco fornecemento para o camiño e ide
ao seu encontro e dicídelles somos os vosos
servos". Daquela, facede agora un trato con-
nosco. 12Velaquí o noso pan, collido quente
das nosas casas para o noso fornecemento,
o día que saímos para vir onda vós, e agora
ben vedes que está balorecido e esmigallado.
13E estes coiros de viño, novos cando os en-
chemos, velaquí que romperon: e estes no-
sos vestidos e calzados volvéronse vellos de
tan longo camiño.

14E colleron os homes de Israel do for-
necemento, sen consultaren a palabra do
Señor, 15e fixo con eles Xosué a paz e con-
viñeron nun trato verbo da vida deles e os

**8**, 30 *O monte Ebal* queda en Samaria, ao N do monte Garizim e de Xequem. Resulta estraño que se faga o altar no monte Ebal, cando nas tradicións xudía e samaritana o monte Ebal relaciónase coa maldición, namentres que o Garizim vai ligado á bendición (cf Dt **11**, 29).

**8**, 31 *Os holocaustos*, como indica o seu nome, son ofrendas de toda a vítima, que se queima no altar. Os sacrificios pacíficos ou de comuñón son ofrendas a Deus, pero participando quen as ofrece dunha parte do animal sacrificado.

**9**, 1 No c. **9** do libro de Xos temos un exemplo de trato feito polos israelitas cos nativos do país. Neste caso chegaron a pactar, ao seren enganados polos de Gabaón. O relato é unha amalgama de diversas fontes con abondas repeticións.

A *Xefelah* queda ao oriente da zona costeira. Con multitude de outeiros e vales, foi escenario de moitas batallas entre Israel e os filisteos, e entre os macabeos e Siria.

**9**, 3 *Gabaón* identifícase co actual El-Diib, situado a 9 km ao NO de Xerusalén e 12 ao SO de Ai. Era unha das cidades levíticas (cf **21**, 17) e pertencía á tribo de Benxamín (cf **18**, 25ss). A parte do trato dos gabaonitas con Xosué, fixeron famosa á cidade de Gabaón as loitas dos tempos de David (2 Sam **2**, 12-16; **20**, 4-13) e mais o santuario onde ofrecía sacrificios Salomón (1 Re **3**, 4-15).

**9**, 14 Conforme o pensamento do redactor deuteronómico, o non consultar o Señor por medio das sortes, antes de decidir algo, era unha modificación dos principios da guerra santa. Por outra banda, ao comeren os israelitas do fornecemento dos de Gabaón, xa quedaba feito o trato (cf Xén **31**, 53-54).

príncipes da asemblea confirmárono con xuramento. [16]Pero aos tres días de facer o trato con eles, decatáronse de que os tales eran os seus veciños e que habitaban entre eles. [17]Continuaron camiño os fillos de Israel, e, ao terceiro día, chegaron ás súas cidades. Eran estas Gabaón, Quefirah, Beerot e Quiriat-Iearim. [18]Non obstante, os fillos de Israel non os mataron, pois os príncipes da asemblea xuráranlles polo Señor, Deus de Israel. Entón, toda a asemblea murmurou contra os príncipes. [19]E os príncipes dixéronlle á asemblea: –Nós xurámoslles polo Señor, Deus de Israel, e agora non podemos tocalos. [20]Pero faremos deste xeito: deixarémolos vivir e así non virá sobre nós a cólera por mor do xuramento que lles fixemos. [21]Que vivan e que sexan os cortadores de madeira e carrexadores de auga para toda a asemblea.

Así falaron os príncipes. [22]Chamou entón Xosué aos gabaonitas e díxolles: –Por que nos traizoastes dese xeito, dicindo somos de moi lonxe de vós, cando estades vivindo entre nós? [23]Agora, malditos seredes, e non deixará de haber entre vós un servo: seredes os cortadores de madeira e carrexadores de auga para a casa do meu Deus.

[24]Eles respondéronlle: –Aconteceu que aos teus servos foilles mostrado con claridade o que mandara o Señor, o teu Deus, a Moisés, o seu servo, de darvos todo o país e de eliminar a todos os veciños do país que vos apareceran diante. Entón trememos de abondo polas nosas vidas por mor de vós, armamos o argallo ese. [25]E agora, velaquí que estamos na túa man: o que mellor e máis xusto che pareza facer connosco, faino.

[26]E fixo con eles así: librounos da man dos fillos de Israel, que non os mataron; [27]e asignoulles Xosué no día aquel a carga de cortadores de madeira e carrexadores de auga para a asemblea e para o altar do Señor no lugar que El escollera, ata o día de hoxe.

## A CONQUISTA DO SUR

### Coalición dos amorreos contra Gabaón

**10** [1]Cando soubo Adonisédec, o rei de Xerusalén, que Xosué conquistara Ai e a destruíra (como fixera con Iericó e co seu rei, así fixo con Ai e co seu rei), e que os veciños de Gabaón fixeran as paces con Israel, vivindo como estaban no medio deles, [2]colleu moito medo, pois Gabaón era unha gran cidade como unha das cidades reais, e porque era maior que Ai e todos os seus homes eran bos guerreiros. [3]E mandou Adonisédec, o rei de Xerusalén, esta mensaxe a Hoham, rei de Hebrón, a Piram, rei de Iarmut, a Iafía, rei de Láquix, e a Debir, rei de Eglón: [4]"Subide onda min e axudádeme, e destruiremos Gabaón, pois fixo as paces con Xosué e cos fillos de Israel". [5]E reuníronse os cinco reis amorreos –o rei de Xerusalén, o rei de Hebrón, o rei de Iarmut, o rei de Láquix e o rei de Eglón–, e subiron con todos os seus exércitos e acamparon diante de Gabaón, e declaráronlle a guerra.

### Xosué axuda a Gabaón

[6]Os homes de Gabaón mandaron unha embaixada onda Xosué, ao campamento de Guilgal, para lle dicir: "Non deixes da túa man aos teus servos: sube axiña onda nós e fai por salvarnos; axúdanos, pois aconchegáronse contra nós todos os reis amorreos que moran nas montañas".

[7]E subiu Xosué de Guilgal con todo o seu pobo, todos os guerreiros. [8]E dixo o Señor a Xosué: –Non lles teñas medo, pois púxenchos na túa man: non quedará vivo un só deles diante de ti.

**9**, 17 *Quiriat-Iearim* queda na fronteira entre Benxamín e Xudá, a uns 15 km ao O de Xerusalén, polo camiño de Iafa. As outras vilas estaban preto dela.
**9**, 27 O final do c. reflicte a centralización do culto, levada adiante por Ioxías, ao eliminar santuarios e deixar o templo de Xerusalén como o único lugar escollido por Deus para ser alí venerado.
**10**, 1 En Xos **10**, 1-43, o compilador deuteronómico xunta dúas tradicións, unha delas histórica a da batalla de Gabaón (**10**, 1-14), e outra etiolóxica a da cova de Maquedah (**10**, 16-27). Como sucede abondas veces cando se recollen distintas tradicións ou documentos escritos, hai repeticións e incluso certas contradicións nos detalles.
**10**, 3 *Hebrón* é Quiriat-Arbá (cf **15**, 13), a cidade dos anaquitas, onde morreu Sara (Xén **23**, 2; **35**, 27), e que coincide con Mambré, o lugar onde vivía Abraham (Xén **13**, 18; **23**, 19). Está situada 40 km ao S de Xerusalén. *Iarmut* identifícase con Quirbet-el-Iarmuc e está a 23 km ao SL de Xerusalén. *Láquix*, localizada en Tell-el-Duveir, está 22 km ao O de Hebrón. *Eglón* é probablemente Tell-Eitún, uns 10 km ao SL de Láquix.

### Ataque de Xosué e desfeita dos amorreos

9E arremeteu Xosué de súpeto contra eles,
despois de camiñar durante toda a noite
desde Guilgal. 10E esnaquizounos o Señor
diante de Israel e bateunos cun grande estra-
go, en Gabaón; e perseguiunos polo camiño
que sobe a Bet-Horón e mallou neles deica
Azecah e deica Maquedah. 11E, ao fuxiren
de diante de Israel, aconteceu que o Señor
mandou contra eles grandes petoutos desde
o ceo, ata Azecah, e morreron, sendo máis
os que morreron polos petoutos, que os que
mataron os fillos de Israel pola espada.

### Xosué quere rematar a vitoria nun só día

12Entón falou Xosué co Señor naquel día en
que entregara os amorreos diante dos fillos de
Israel, e dixo en presenza do pobo: *–Sol, está
quedo en Gabaón; e ti, lúa, no val de Aialón.*
13E parouse o sol e contívose a lúa, ata que
se ergueron sobre os xentís, os seus inimigos.
E logo non está escrito no libro do Xusto? E
estivo parado o sol no medio dos ceos du-
rante todo un día, sen bulir para poñerse, 14e
non houbo nin antes nin despois un día como
aquel no que o Señor escoitase así a voz dun
home (pois o Señor loitaba do lado de Israel).
15E Xosué volveu ao campamento –a Guil-
gal–, e con el todo Israel.

### Captura dos reis e conquista das cidades

16Os cinco reis aqueles fuxiron e aco-
cháronse na cova de Maquedah. 17E anun-
ciáronlle a Xosué: –Deron cos cinco reis,
acochados na cova, en Maquedah.
18E dixo Xosué: –Carrexade pedras gran-
des ata a boca da cova e poñede onda ela
homes que os vixíen. 19En canto a vós, non
esteades quedos: correde tras dos vosos ini-
migos e batede neles; non os deixedes meter
nas súas cidades, pois o Señor, o voso Deus,
volos puxo nas vosas mans.

20E resultou que, cando Xosué e mais os fi-
llos de Israel estaban rematando de lles face-
ren un grande estrago, ata a totalidade deles,
os fuxitivos entraron nas cidades de defensa.
21Todo o pobo volveu en paz ao campamento,
onda Xosué, a Maquedah; e ninguén moveu
a súa lingua contra os fillos de Israel. 22Da-
quela dixo Xosué: –Abride a boca da cova e
sacádeme para acó a eses cinco reis.
23E fixérono así: sacaron aqueles cinco
reis da cova –o rei de Xerusalén, o rei de He-
brón, o rei de Iarmut, o rei de Láquix e o rei
de Eglón–, 24e, en levándolle aqueles reis a
Xosué, chamou Xosué a todos os homes de
Israel e díxolles aos xefes dos guerreiros que
ían con el: –Achegádevos e poñede os vosos
pés enriba das gorxas destes reis.
E achegáronse e puxeron os seus pés sobre
as gorxas deles. 25E díxolles Xosué: –Non te-
ñades medo nin vos acovardedes: sede rexos
e valorosos, pois así fará o Señor con todos
os vosos inimigos que loiten contra vós.
26Despois disto, golpeounos Xosué ata fa-
celos morrer e colgounos de cinco árbores e
estiveron pendendo delas ata o serán. 27Ao
se poñer o sol, mandou Xosué que os baixa-
sen das árbores e os botasen na cova onde
se acocharan. E puxeron pedras grandes na
boca da cova, que quedaron ata o mesmo día
de hoxe.
28E a Maquedah tomouna Xosué aquel día
e pasouna polo gume da espada, xunto co seu
rei: destruíunos a eles e mais a todo ser vivo
que había nela; non deixou nin rastro e fixo
co rei de Maquedah o mesmo que fixera co
rei de Iericó. 29E pasou Xosué, e todo Israel
con el, de Maquedah a Libnah, e loitaron
contra Libnah. 30E púxoa tamén o Señor nas
mans de Israel, xunto co seu rei, e pasouna
polo gume da espada, con todo ser vivo que
había nela: non deixou nin rastro; e fixo co
seu rei como fixera co rei de Iericó.

**10**, 10 *Bet-Horón* é un santuario do deus Horón. Está un pouco ao NO de Gabaón. *Azecah*, na parte baixa do val de Elah, identifícase con Tell-es-Saharieh e cae moito máis ao sur ca Bet-Horón. *Maquedah* non é posible identificala, polo momento.

**10**, 11 O compilador deuteronómico quere insistir na axuda do Señor a quen cumpre a Alianza, facendo ver que non eran os dotes humanos os que conseguían as vitorias, senón a man de Deus (cf Xuí **5**, 19-21).

**10**, 12 Nos vv. 12-14 cítase unha estrofa do Libro de Iaxar (Libro do Xusto), mencionado noutro lugar da Biblia (2 Sam **1**, 17-27). Unha cousa é a cita e outra é a interpretación que fai dela o compilador deuteronómico. Este quere insistir na acción de Deus en favor do pobo fiel.

**10**, 13 O que pide Xosué a Deus é que lle deixe rematar o seu traballo naquel día. E, utilizando as expresións de entón, pide que se pare o sol. De aquí non se segue que o sol se move, senón que eles crían que se movía, e expresábanse como se fose o sol quen se movía. O autor sagrado, ao querer transmitir unha mensaxe relixiosa, tense que valer do xeito de falar do seu tempo.

**10**, 15 Este v. non ten sentido. Algúns manuscritos da versión dos LXX non o recollen.

**10**, 24 Poñer o pé enriba da gorxa dos inimigos era signo de dominio e expresión da vitoria (cf Sal **110**, 1).

**10**, 29 *Libnah* queda na Xefelah (**15**, 42), entre Láquix e Maquedah; pero non se sabe de seguro con que outeiro identificala.

31E pasou Xosué –e todo Israel con el–, de
Libnah a Láquix. Acampou enfronte dela e
loitou contra ela. 32E puxo o Señor a Láquix
nas mans de Israel; tomouna o segundo día e
pasouna polo gume da espada, con todo ser
vivo que había nela: todo do mesmo xeito que
con Libnah. 33Entón subiu Horam, rei de Guézer, en axuda de Láquix e bateuno Xosué, a el
e mais ao seu pobo, sen deixar rastro del. 34E
pasou Xosué e todo Israel con el de Láquix
a Eglón, e acamparon en fronte de Eglón e
loitaron contra ela. 35E tomárona naquel día,
e pasárona polo gume da espada; e a todo ser
vivo que había nela aquel día, exterminárono:
todo do mesmo xeito que con Láquix.
36E subiu Xosué –e todo Israel con el– de
Eglón a Hebrón e loitaron contra ela. 37Tomárona e pasárona polo gume da espada,
tanto ao seu rei coma a toda a cidade e mais
a todo ser vivo que había nela. Non deixou
nin rastro, todo como fixera con Eglón: exterminouna a ela e a todo ser vivo que había
nela. 38E volveu Xosué –e todo Israel con el–
a Debir, e loitou contra ela. 39E tomouna (ao
seu rei e a toda a cidade) e pasounos polo
gume da espada e exterminou a todo ser vivo
que había nela. Non deixou nin rastro. Como
fixera con Hebrón, así fixo con Debir e co
seu rei (o mesmo que fixera con Libnah e co
seu rei). 40Conquistou así Xosué todo o país:
a montaña, o Négueb, a Xefelah e mais as
vertentes. De todos os seus reis non deixou
nin rastro e exterminou todo ser vivo, tal
como mandara o Señor, Deus de Israel. 41Xosué arrasou desde Cadex-Barnea ata Gaza; e
todo o país de Goxén ata Gabaón. 42Venceu
Xosué dunha batida a todos aqueles reis, porque o Señor, Deus de Israel, loitaba do lado
de Israel. 43E tornou Xosué e todo Israel con
el ao campamento, a Guilgal.

## A CONQUISTA DO NORTE

### Coalición de reis contra Xosué

**11** 1Cando o soubo Iabín, rei de Hasor,
mandou unha mensaxe a Iobab, o rei
de Madón, ao rei de Ximrón, ao rei de Acxaf,
2aos reis da parte norte da montaña e da terra
chá, ao sur de Quinerot, da Xefelah e dos outeiros de Dor, no occidente; 3aos cananeos do
oriente e do occidente, aos amorreos, aos hititas, aos pericitas, aos iebuseos da montaña,
aos hivitas da baixada do Hermón, na terra
de Mispah. 4E saíron eles con todos os seus
exércitos, unha multitude innumerable, coma
a area da beira do mar, e con moitísimos cabalos e carros. 5Coaligáronse todos aqueles
reis e foron acampar xuntos a pé das augas de
Merom, para loitaren contra Israel. 6E dixo o
Señor a Xosué: –Non lles teñas medo, pois
mañá a estas horas deixareinos desfeitos ante
Israel. Tronzarás os seus cabalos e prenderás
lume aos seus carros.

### A batalla das augas de Merom

7Chegou Xosué con todo o exército onda
as augas de Merom e arremeteron de súpeto contra eles. 8E púxoos o Señor nas mans
de Israel, que os venceu e os perseguiu ata
Sidón a Grande e deica Misrefot-Maim e o
val de Mispah, no oriente. E esfarelounos ata
o remate: non deixou nin rastro deles. 9Fixo
con eles Xosué tal como lle dixera o Señor:
tronzou os seus cabalos e prendeu lume aos
seus carros.

### Conquista de Hasor

10Daquela volveuse Xosué e tomou Hasor
e fixo pasar pola espada ao seu rei, pois
Hasor era antigamente a capital de todos
aqueles reinos. 11E matou a todo ser vivo
que había nela; exterminounos co gume da
espada, sen deixar un, e a Hasor plantoulle
lume.

**10**, 40 *O Négueb* é o deserto que está ao S de Xudá. A súa cidade principal é Beerxeba. Tamén está no Négueb Cadex-Barnea, citada en Dt **1**, 2.
**11**, 1 Rematada a conquista do Sur, comeza a campaña do Norte. Neste capítulo, coma no anterior, refírese a vitoria de Israel sobre unha coalición de reis. O relato pertence ao iavista e ao redactor deuteronómico.
*Hasor* é unha vila que está situada no territorio de Naftalí, uns 15 km ao N do lago de Tiberíades. Foi fortificada por Salomón (1 Re **9**, 15) e aparece nas cartas de El Amarna como unha cidade real. *Madón*, *Ximrón* e *Acxaf* non estarían lonxe de Hasor.
**11**, 5 As *augas de Merom* eran probablemente uns mananciais da Alta Galilea, a uns 7 km ao NO de Safed.
**11**, 8 *Sidón a Grande* contraponse a "Sidón a Pequena", na descrición que fai Senaquerib do seu ataque ao Reino do Sur no ano 701 a. C. Sen dúbida a primeira é a coñecida cidade fenicia. *Misrefot-Máim* quizais sexa unha localidade que hai entre Tiro e Acre.
**11**, 11 As escavacións feitas en Tell-el-Quedah, confirman que Hasor foi destruída nesa época.

### Máis vitorias

12 E conquistou Xosué todas as cidades daqueles reis e matou os seus reis, pasándoos
polo gume da espada, segundo mandara Moisés, servo do Señor. 13 Soamente deixou Israel
sen queimar as cidades emprazadas sobre outeiros, fóra de Hasor, que a queimara Xosué.
14 Os fillos de Israel colleron como botín para
eles todos os despoxos das cidades aquelas e
os animais; pero aos homes pasáronos polo
gume da espada, ata destruílos sen deixar
rastro deles. 15 Como lle mandara o Señor a
Moisés, o seu servo, así lle mandou Moisés
a Xosué, e así fixo Xosué: e non esqueceu
cousa de todo o que lle mandara o Señor a
Moisés.

### Resumo da conquista do país

16 Deste xeito conquistou Xosué todo aquel
país: a montaña e todo o Négueb, toda a
rexión de Goxén e mais a Xefelah e o deserto, e a montaña de Israel e mais a súa terra chá. 17 Desde o monte Rapado, que leva
a Seir, ata Baal-Gad, no val do Líbano, por
baixo do monte Hermón, pillou a todos os
seus reis e feriunos ata morreren. 18 Xosué estivera loitando con todos aqueles reis durante
moitos anos. 19 E fóra dos hivitas, que habitaban en Gabaón, non houbo cidade que pactase cos fillos de Israel e pilláronas todas na
loita: 20 pois era cousa do Señor, que fixo endurecer os seus corazóns, de xeito que declarasen a guerra a Israel e fosen exterminados
sen compaixón e aniquilados, como mandara
o Señor a Moisés.

21 Chegou entón Xosué e fendeu os anaquitas da montaña de Hebrón, os de Debir, os
de Anab e os de toda a montaña de Xudá e
de todas as montañas de Israel: exterminounos Xosué, xunto coas súas cidades. 22 Non
quedaron xa anaquitas na terra dos fillos de
Israel: só sobreviviron en Gaza, en Gad e en
Axdod. 23 Así conquistou Xosué todo o país,
segundo lle tiña dito o Señor a Moisés; e deullo en herdanza Xosué a Israel, segundo a súa
distribución en tribos. E o país repousou da
loita.

### Reis vencidos na banda oriental do Xordán

**12** 1 Estes son os reis do país que venceron
os fillos de Israel (ocupando a terra
deles), na outra banda do Xordán –no oriente–, desde o torrente Arnón ata o monte Hermón e toda a parte oriental da Arabah:

2 Sihón, rei dos amorreos, veciño de Hexbón, que dominaba desde Aroer (que está á
beira do torrente Arnón), e desde a metade do
torrente e a metade de Galaad, ata o torrente
Iaboc (a carón dos fillos de Amón), 3 e desde
a Arabah ata o mar de Quinerot (ao oriente) e
deica o mar da Arabah –o mar do Sal–, polo
oriente, no camiño de Bet-Ieximot; e polo
sur, a pé de Axdod-Pisgah.

4 O territorio de Og, rei do Baxán –un dos
últimos descendentes dos Refaím–, veciño
de Axtarot e de Edrei. 5 Dominaba no monte
Hermón, en Salcah e en todo o Baxán, ata o
lindeiro dos guexuritas e dos macateos, e na
metade de Galaad, ata o lindeiro de Sihón,
rei de Hexbón.

6 Moisés, servo do Señor e os fillos de Israel derrotáronos; e Moisés, o servo do Señor, déralles os territorios en herdanza aos
rubenitas, aos gaditas e á media tribo de Menaxés.

### Reis vencidos na banda occidental do Xordán

7 E estes son os reis do país aos que derrotaron Xosué e mais os fillos de Israel, nesta
banda do Xordán –na do occidente–, desde
Baal-Gad –no val do Líbano–, ata o monte
Rapado, que leva cara a Seir (terras que lles
deixou en herdanza Xosué ás tribos de Israel,
segundo as súas divisións): 8 Na montaña e na
Xefelah, na Arabah e nas vertentes, no deserto e no Négueb: os hititas, os amorreos,
os cananeos, os pericitas, os hivitas e os iebuseos:

9 O Rei de Iericó, un; o rei de Ai –que está
a carón de Betel–, un;
10 o rei de Xerusalén, un; o rei de Hebrón,
un;
11 o rei de Iarmut, un; o rei de Láquix, un;
12 o rei de Eglón, un; o rei de Guézer, un;
13 o rei de Debir, un; o rei de Guéder, un;

**11**, 20 O autor deuteronomista trata de facer patente que a conquista se debía á axuda de Deus. E, como escribe nun tempo en que os israelitas se contaxiaran das prácticas pagás, pon en boca de Deus a prohibición da mestura con aqueles pobos, como único medio de conservar a pureza da fe (cf **6**, 21 nota).

**12**, 1 A afirmación xenérica de **11**, 23, indícase agora nunha lista de trinta e un reis vencidos (a versión dos LXX sinala soamente vinte e nove). O c. foi escrito por outro dos redactores deuteronomistas.

**12**, 4 *Os Refaím* eran unha raza de xigantes coma os anaquitas (cf Dt **2**, 11).

14 o rei de Hormah, un; o rei de Arad, un;
15 o rei de Libnah, un; o rei de Adulam, un;
16 o rei de Maquedah, un; o rei de Betel, un;
17 o rei de Zapúah, un; o rei de Héfer, un;
18 o rei de Afec, un; o rei de Laxarón, un;
19 o rei de Madón, un; o rei de Hasor, un;
20 o rei de Ximrón-Merón, un;
o rei de Acxaf, un;
21 o rei de Tanac, un; o rei de Meguido, un;
22 o rei de Quédex, un;
o rei de Iocneam –no Carmelo–, un;
23 o rei de Dor –no outeiro de Dor–, un;
o rei dos xentís –en Guilgal–, un;
24 o rei de Tirsah, un.
No total, trinta e un reis.

## AS PARTILLAS

### Territorios que faltan por conquistar

**13** 1 E Xosué ía xa vello, eivado cos anos,
e díxolle o Señor: –Ti volvícheste
vello, entrado en anos, e queda aínda moita terra por conquistar. 2 Esta é a terra que
falta: todo o territorio dos filisteos e todo o
país dos guexuritas. 3 Desde Xihor, que está
en fronte de Exipto, ata o lindeiro de Ecrón,
polo norte que se ten por cananeo, os cinco
principados dos filisteos: o de Gaza, o de Axdod, o de Axquelón, o de Gad e o de Ecrón, a
maiores dos hivitas. 4 Desde o sur, toda a terra
dos cananeos, e Mearah que está a carón dos
sidonios, ata Afec, lindeiro dos amorreos; 5 a
rexión guiblita e todo o Líbano polo nacente
do sol, desde Baal-Gad a pé do monte Hermón, ata a entrada de Hamat; 6 todos os habitantes da montaña, desde o Líbano ata Misrefot-Maim, todos os sidonios. Eu botareinos a
todos diante dos fillos de Israel. Ti soamente
tes que repartir a terra como herdanza para
Israel, segundo che teño mandado. 7 E agora
fai as partillas da herdanza para as nove tribos e mais a media tribo de Menaxés.

### As partillas da banda oriental do Xordán

8 Con estes colleron tamén os rubenitas e
os gaditas a súa herdanza, que llela dera Moisés na outra banda do Xordán, no oriente,
tal como dispuxera Moisés, servo do Señor.
9 Desde Aroer, que está á beira do torrente Arnón, e o pobo que está no medio do torrente,
e toda a terra chá que vai desde Medeba ata
Dibón 10 e mais todas as cidades de Sihón,
rei dos amorreos que reinou en Hexbón, ata
o lindeiro dos fillos de Amón; 11 Galaad e o
territorio dos guexuritas e os macateos, toda
a montaña do Hermón e todo o Baxán ata
Salcah. 12 No Baxán, todo o reino de Og, que
reinou en Axtarot e mais en Edrei, e que era o
reduto dos Refaím ata que Moisés os venceu
e expulsou. 13 Non obstante, os fillos de Israel
non botaron fóra aos guexuritas nin aos macateos e habitou Guexur e Macat no medio
de Israel ata o día de hoxe.

14 Soamente á tribo de Leví non lle deu
terra Moisés: a súa herdanza é o lume do
Señor, Deus de Israel, tal como El lles prometera.

**12**, 14 *Hormah* e *Arad* están no deserto do Négueb.
**12**, 16 *Betel* está a 17 km ao N de Xerusalén, polo camiño de Damasco.
**12**, 21 *Tanac e Meguido* atópanse a pé da terra chá de Iezrael: a primeira, ao S; e a segunda, 8 km máis ao NO.
**12**, 23 *Dor* era unha vila situada ao sur do Carmelo. O outeiro aínda se estaba escavando estes últimos anos.
**12**, 24 *Tirsah* queda cerca da cidade de Samaria, e foi residencia dos reis de Israel (cf 1 Re **14**, 17; **15**, 21), despois de Xequem (1 Re **12**, 25) e antes de Samaria (1 Re **16**, 24).
**13**, 1 Os cc. **13-21**, forman a segunda parte do Libro de Xos, e tratan da distribución do país. A obra débese fundamentalmente ao autor sacerdotal, aínda que se conservan anacos das outras fontes.
O c. **13** trata das partillas que lles tocaron ás tribos de Rubén, Gad e á media tribo de Menaxés na banda oriental do Xordán.
**13**, 2 O terreo que está sen ocupar é toda a Cisxordania, fóra da parte central de Canaán. O falar en tempos de Xosué do *territorio dos filisteos* é unha anticipación literaria. De feito os pobos do mar chegaron algo máis tarde a Palestina (a rentes do 1200 a. C.). Será despois diso cando se chame "territorio dos filisteos" a zona costeira, entre Gaza e o Carmelo.
Os *guexuritas* que se mencionan aquí son os do SO de Palestina, e non os arameos da ribeira oriental do lago de Xenesaret, dos que se falará máis adiante (**13**, 11. 14).
**13**, 4 *A terra dos cananeos* refírese aquí á parte que vai desde o Carmelo cara ao norte, incluíndo a Fenicia.
O sinalar *Afec* no lindeiro dos amorreos é un erro. O texto hebreo está estragado, e, o máis procedente sería ler "ata Afec, lindeiro dos guiblitas".
**13**, 5 A *rexión guiblita* era a que estaba arredor de Guebal, a cidade fenicia que despois se chamará Biblos.
*Hamat* é o extremo noroccidental da terra prometida.
**13**, 14 *O lume do Señor* alude ás vítimas que se ofrecían no altar. Unha parte delas queimábase como sacrificio presentado ao Señor; doutra participaba o doante, e outra era para os sacerdotes (cf Dt **18**, 1-8).

15Deu Moisés herdanza á tribo dos fillos
de Rubén, de acordo coas súas familias. 16E
os lindeiros deles foron desde Aroer, que
está á beira do torrente Arnón, e o pobo que
está ao fondo do torrente, toda a terra chá
que está a pé de Medebá; 17Hexbón e todas
as súas vilas da terra chá; Dibón, Bamot-
Baal, Bet-Baal-Meón, 18Iahsah, Quedemot,
Mefáat, 19Quiriataim, Sibmah, e Séret-Xá-
har, no outeiro do val; 20e Bet-Peor, Axdot-
Pisgah e Bet-Ieximot. 21E todas as vilas da
terra chá e todos os dominios de Sihón, rei
dos amorreos, que reinou en Hexbón, e que
o venceu Moisés a el e mais aos príncipes
de Madián: Eví, Réquem, Sur, Hur, e Reba,
oficiais de Sihón e veciños do país. 22E a
Balaam, o adiviño, fillo de Beor, matárono
os fillos de Israel coa espada, o mesmo ca
a outros. 23E foron os lindeiros dos fillos de
Rubén, o Xordán e a súa ribeira. Estes eran
os eidos dos fillos de Rubén, segundo as súas
familias: as vilas e aldeas.

### A partilla da tribo de Gad

24E deu terras Moisés á tribo de Gad, aos
fillos de Gad, segundo as súas familias. 25E
foron os lindeiros deles Iazer e todas as cida-
des de Galaad, e a metade do país dos fillos
de Amón ata Aroer, que está en fronte de Ra-
bah; 26e, desde Hexbón, ata Ramah-Mispeh
e Betonim; e, desde Mahanaim, ata o límite
de Debir. 27E no val, Bet-Aram, Bet-Nimrah,
Sucot, Safón, o resto do reino de Sihón rei
de Hexbón, o Xordán e a súa ribeira, ata o
remate do mar de Quinéret, pola outra ban-
da do Xordán, ao oriente. 28Esta é a herdanza
dos fillos de Gad, segundo as súas familias:
as vilas e as aldeas.

### A partilla da media tribo de Menaxés

29E deu terras Moisés á media tribo de Me-
naxés. E foron os lindeiros da media tribo de
Menaxés, segundo as súas familias, 30desde
Mahanaim todo o Baxán, todo o reino de Og,
rei do Baxán, e todos os lugares de Iaor que
hai no Baxán: sesenta pobos. 31E medio Ga-
laad, Axtarot e Edrei, cidades do reino de Og,
no Baxán, foron para os fillos de Maquir, fillo
de Menaxés, ou máis ben para a metade dos
fillos de Maquir, segundo as súas familias.
32Estes son os eidos que distribuíu Moisés na
terra chá do Moab, na outra banda do Xor-
dán, ao oriente de Iericó. 33E á tribo de Leví
non lle deu Moisés eido ningún. O Señor,
Deus de Israel, El é a súa herdanza, segundo
lles prometera El.

### As partillas da banda occidental do Xordán

**14** 1Estes son os eidos que herdaron os
fillos de Israel na terra de Canaán, e
que distribuíron Elazar o sacerdote, Xosué,
fillo de Nun, e os xefes de familia das tribos
dos fillos de Israel. 2A súa herdanza asig-
nouse por sortes, como establecera o Señor
por medio de Moisés para as nove tribos e
mais para a outra media, 3pois Moisés dera
xa herdanza a dúas tribos e media na outra
banda do Xordán, pero aos levitas non lles
dera eidos no medio deles. 4Como os fillos
de Xosé formaban dúas tribos –Menaxés
e Efraím–, non deron parte aos levitas no
país, fóra das cidades de residencia, cos
arredores para a súa habenza e o seu gando
menor. 5Tal como mandara o Señor a Moi-
sés, dese xeito fixeron os fillos de Israel, e
partillaron o país.

### A herdanza de Caleb

6Achegáronse os fillos de Israel a Xosué
en Guilgal, e díxolle Caleb, fillo de Iefuneh,
o queniceo: –Ti ben sabes o que lle prome-
teu o Señor a Moisés, o home de Deus, verbo
de min e mais de ti, en Cadex-Barnea. 7Eu
tiña xa corenta anos cando Moisés, o servo
de Deus, me mandou desde Cadex-Barnea a
percorrer o país, e, en volvendo, deille novas

**13**, 25 *O Aroer* que se cita aquí queda ao oriente de Rabat-Amón a actual Ammán (cf Xuí **11**, 33). O Aroer dos vv. 9 e 16 é outro lugar.
**13**, 33 Este v. é unha adición tardía que repite o dito en **13**, 14. Os LXX suprímeno.
**14**, 1 Os cc. **14-15**, tratan da partilla da tribo de Xudá. O autor sacerdotal ten unha parte moi importante nestes dous cc. Introduce ao sacerdote Elazar para repartir o territorio (**14**, 1; cf **17**, 4; **19**, 51; **21**, 1), namentres que o iavista e o elohista poñen só a Xosué (**13**, 1; **17**, 14; **18**, 3. 8. 10).
**14**, 4 O número 12 habíao que manter. Dese xeito, ao dividirse a tribo de Xosé en dúas, xa non contaba a de Leví. Por outra banda, a medida encaixaba ben, pois a herdanza de Leví era o servizo do altar (**13**, 14. 33).
**14**, 6 A repartición sitúaa o deuteronomista en Guilgal. O autor sacerdotal localizaraa en Xiloh.
*Os queniceos* pertencían a unha tribo de Edom, que máis adiante pasou a ser de Xudá (cf Xén **36**, 11. 15. 42; 1 Cro **2**, 3-5. 18).
Caleb, xunto con Xosué, trataron de convencer á xente de ir conquistar o país cando estaban en Cadex-Barnea (Núm **13**, 30; **14**, 1-9; **32**, 11; cf Introd. 2).

de acordo co meu corazón. [8]Meus irmáns, que subiron comigo, fenderon o corazón do pobo, namentres que eu camiñei detrás do Señor, o meu Deus. [9]E xurou Moisés naquel día, dicindo: "A terra que pisaron os teus pés, logo non ha de ser decote eido para ti e para teus fillos, pois camiñaches detrás do Señor, o meu Deus?". [10]E agora, velaquí que o Señor retivo a miña vida, como prometera, durante corenta e cinco anos, desde que llo anunciou Moisés, cando Israel andaba polo deserto; e agora, velaquí que teño hoxe oitenta e cinco anos. [11]Non obstante, aínda agora estou forte como no día que me enviou Moisés para a loita e para me desenvolver con soltura. [12]Rógoche, pois, que me deas a montaña esa á que se referiu o Señor naquel día, pois xa oíches entón que estaban alí os anaquitas e que as cidades eran grandes e ben defendidas. Pero pode ser que o Señor estea comigo, de xeito que consiga botalos, como El dixo.

[13]Entón Xosué bendiciuno e deulle Hebrón como herdanza a Caleb, fillo de Iefuneh. [14]Por iso Hebrón foi para Caleb, fillo de Iefuneh, o queniceo, en herdanza, ata o día de hoxe, porque camiñou detrás do Señor, Deus de Israel. [15]O nome de Hebrón era antes Quiriat-Arbá (por mor do máis grande dos anaquitas).

E o país repousou da loita.

### A partilla da tribo de Xudá

**15** [1]E tocoulle a partilla á tribo dos fillos de Xudá, segundo as súas familias, no lindeiro de Edom, ao sur do deserto de Sin, no extremo meridional. [2]E foi o seu lindeiro sur o extremo do mar do Sal, desde a lingua que miraba cara ao mediodía [3]e saía cara ao sur da subida de Acrabim, pasaba por Sin e subía polo sur de Cadex-Barnea; pasaba por Hesrón, subía cara a Adar e xiraba cara a Carcáah; [4]pasaba por Asmón, prolongábase ata o torrente de Exipto e saía á beira do mar. Este era o seu lindeiro sur. [5]O seu lindeiro oriental era o mar do Sal ata a foz do Xordán; [6]subía a Bet-Hoglah, pasaba polo norte de Bet-Arabah e rubía á Rocha de Bohán, o fillo de Rubén, [7]e continuaba cara a Debir, desde o val de Acor. E, polo norte, ía cara a Guilgal, que está en fronte da subida de Adumim ao sur do torrente; despois pasaba a pé das augas de En-Xémex, indo saír a En-Róguel. [8]E o lindeiro subía polo val de Ben-Hinnóm, pola beira sur dos iebuseos isto é, de Xerusalén; e rubía polo cume do monte que dá polo oeste a Gue-Hinnom e polo norte ao extremo do val dos Refaím. [9]Desde o cume do monte, continuaba cara á fonte de auga de Neftóah e saía ás vilas da montaña de Efrón; seguía cara a Baalah, que é Quiriat-Iearim, [10]xiraba desde Baalah contra o occidente, ao monte Seir, pasaba pola aba norte da montaña de Iearim, que é Quesalón, baixaba a Bet-Xémex e ía cara a Timnah; [11]corría polo flanco norte de Ecrón, continuaba cara a Xiquerón e pasaba ao monte de Baalah, prolongábase ata Iabneel e remataba no mar. [12]E o lindeiro occidental ía dar ao mar Grande e á súa praia. Esta é a fronteira que circundaba o territorio dos fillos de Xudá, segundo as súas familias.

### A parte de Caleb

[13]E a Caleb, fillo de Iefuneh, deulle unha parte no medio dos fillos de Xudá, de acordo co mandato do Señor a Xosué: Quiriat-Arbá, do pai de Anac, que é Hebrón. [14]E botou de alí Caleb aos tres fillos de Anac: a Xexai, Ahimán e Talmai. [15]E subiu desde alí contra os veciños de Debir (o nome de Debir era antes Quiriat-Séfer); [16]e dixo Caleb: –A quen ataque a Quiriat-Séfer e a conquiste, dareille por muller a miña filla Acsah.

[17]Conquistou a vila Otoniel, fillo de Quenaz e irmán de Caleb; e Caleb deulle por muller a súa filla Acsah. [18]Aconteceu que, ao convivir con ela, incitouna a pedirlle a seu pai un campo; e baixou do burro e díxolle a ela Caleb: –Que tés?

[19]Respondeulle ela: –Anda, faime un favor: pois déchesme terra árida, dáme algunha fonte de auga.

**14**, 11 *Me desenvolver con soltura* traduce a expresión hebrea "para saír e entrar". Equivale a ter liberdade de movementos (cf Xn **10**, 9 nota).

**15**, 1 Os vv. 1-12 fan unha descrición do territorio de Xudá, marcando os seus lindeiros. O texto pertence totalmente ao autor sacerdotal.

A fronteira sur (**15**, 1-4) coincide coa de todo Israel (cf Núm **34**, 3-5).

**15**, 5 *O mar do Sal* chámase así polo salitrosas que son as súas augas, por mor da evaporación. Para nós resulta máis coñecido polo nome de "mar Morto".

**15**, 9 *A fonte de auga de Neftóah* atópase a 4 km ao NO de Xerusalén, no lindeiro de Xudá con Benxamín.

**15**, 15 *Debir* está a 13 km ao S do Hebrón.

**15**, 19 Os LXX poñen: "Pois me deches o Négueb, dáme Botzanís; e deulle Gonezllán de Arriba e Gonezllán de Abaixo". A historieta débese probablemente ao interese por xustificar a pertenza dunhas fontes de auga a Otoniel, cando procedería que fosen dos calebitas (cf Xén **26**, 22-33).

E foi el e deulle a fonte de arriba e mais a de abaixo.
[20]Esta é a herdanza da tribo dos fillos de Xudá, segundo as súas familias.

### As cidades de Xudá

[21]E foron as cidades, desde o remate da tribo dos fillos de Xudá ata o lindeiro de Edom, no Négueb, Cabseel, Éder e Iagur, [22]Quinah, Dimonah, Adadah, [23]Quédex, Hasor, Itnán, [24]Zif, Télem, Bealot, [25]Hasor, Hadatah, Queriot, Hesrón, que é Hasor; [26]Amam, Xemá, Moladah, [27]Hasar-Gadá, Hexmón, Bet-Pálet, [28]Hasar-Xual, Beer-Xeba, Bizioteiah, [29]Baalah, Iim, Sem, [30]Eltolad, Quesil, Hormah, [31]Siclag, Madmanah, Sansanah, [32]Lebaot, Xilhim, Ain e Rimón: no total, vinte e nove cidades coas súas aldeas.
[33]E na Xefelah, Extaol, Sorah, Axnah, [34]Zanóah, En-Ganim, Zapúah, Enam, [35]Iarmut, Adulam, Socoh, Azecah, [36]Xaaraim, Aditaim, Guederah e Guederotaim: catorce cidades, coas súas aldeas. [37]Senán, Hadaxah, Migdal-Gad, [38]Dileán, Mispeh, Iocteel, [39]Láquix, Boscat, Eglón, [40]Cabón, Lahmás, Quitlix, [41]Guederot, Bet-Dagón, Naamah e Maquedah: dezaseis cidades coas súas aldeas. [42]Libnah, Éter, Axán, [43]Iefté, Axnah, Nesib, [44]Queilah, Aczib e Marexah: nove cidades coas súas aldeas. [45]Ecrón, coas súas vilas e as súas aldeas. [46]Desde Ecrón ata o mar, todo o que está a carón de Axdod e mais as súas aldeas; [47]Axdod, as súas vilas e as súas aldeas: Gaza, as súas vilas e as súas aldeas, ata o torrente de Exipto, tendo como lindeiro o mar Grande.
[48]Na montaña, Xamir, Iatir, Sócoh, [49]Danah, Quiriat-Sanah, que é Debir; [50]Anab, Extemoh, Anim, [51]Goxén, Holón e Guilón: once cidades coas súas aldeas. [52]Arab, Rumah, Exán, [53]Ianum, Bet-Zapúah, Afecah, [54]Humtah, Quiriat-Arbá, que é Hebrón, e Sior: nove cidades e as súas aldeas. [55]Maón, Carmel, Zif, Iutah, [56]Iezrael, Iocdeam, Zanóah, [57]Caín, Guibah e Timnah: dez cidades, e as súas aldeas. [58]Halhul, Bet-Sur e Guedor; [59]Maarat, Bet-Anot e Eltecón: seis cidades e as súas aldeas. [60]Quiriat-Baal, que é Quiriat-Iearim, e Rabah: dúas cidades e as súas aldeas.
[61]No deserto, Bet-Aarabah, Midín e Secacah, [62]Nibxán, a Cidade do Sal e En-Guedi: seis cidades e as súas aldeas.
[63]No tocante aos iebuseos –veciños de Xerusalén–, non puideron botalos fóra os fillos de Xudá: e habitaron cos fillos de Xudá en Xerusalén ata o día de hoxe.

### A partilla dos fillos de Xosé

**16** [1]E saíu como partilla para os fillos de Xosé, desde o Xordán de Iericó ata as augas de Iericó, polo oriente do deserto, e subía o lindeiro desde Iericó ata a montaña de Betel; [2]saía de Betel cara a Luz, pasando por Atarot –lindeiro dos arquitas–, [3]e baixaba polo occidente cara á fronteira dos iafletitas, ata o límite de Bet-Horón de Abaixo e ata Guézer, indo dar ao mar. [4]E recibiron a súa partilla os fillos de Xosé (Menaxés e Efraím).
[5]E foi o lindeiro dos fillos de Efraím, segundo as súas familias, polo oriente, Atarot-Adar, ata Bet-Horón de Arriba, [6]e ía dar ao mar, a Micmetat, polo norte; e ía polo leste ata Tanat-Xiloh, pasando por ela ao oriente de Ianohah, [7]e baixaba de Ianohah a Atarot e Narat, chegaba a Iericó e saía ao Xordán. [8]Desde Zapúah ía o lindeiro cara ao oeste ata o torrente Canah e saía ao mar. Esta era a herdanza da tribo dos fillos de Efraím, segundo as súas familias. [9]E as cidades ciscadas dos fillos de Efraím estaban na herdanza dos fillos de Menaxés: todas as cidades e as súas aldeas. [10]E non botaron fóra aos cananeos, que habitaron en Guézer, permanecendo no medio de Efraím ata o día de hoxe, pagándolle tributo de servos.

**15**, 20 Despois dos vv. 13-19, nos que o iavista conta os éxitos de Caleb e describe un episodio da súa vida, continúa o autor sacerdotal para facer unha lista das cidades que lle tocaron en sorte a Xudá (vv. 20-62).
No estado actual do texto, en vez das vinte e nove constatadas no v. 32, saen trinta e oito; e, no sitio das catorce sinaladas no v. 36, resultan quince. As diferenzas débense probablemente a algunhas repeticións (no v. 23 cítase Hasor, e no 25 noméase dúas veces máis), a erros dos escribas e a interpolacións de xente que reclamaba os lugares.
**16**, 1 Nos cc. **16-17** ofrécese a correspondente partilla de Efraím e de Menaxés. Ao comezo do c. **16** (**16**, 1-3) faise unha presentación, cos lindes do que corresponde a Xosé (o pai de Efraím e Menaxés) na banda occidental do Xordán. A consideración da tribo de Xosé tendo en conta o seu epónimo e non os seus fillos é típica do autor iavista.
**16**, 2 *Os arquitas* eran un grupo cananeo (cf Xén **10**, 17; 1 Cro **1**, 15).
**16**, 3 *Os iafletitas* soamente aparecen aquí e deben ser tamén cananeos.
*Guézer* era unha vila cananea, da partilla que lle tocou a Efraím (Xos **16**, 10). Escollida para ser cidade levítica, déuselle aos fillos de Quehat (cf Xos 21, 21).

### A partilla de Menaxés na banda occidental do Xordán

**17** [1]E tocoulle a partilla á tribo de Menaxés
(pois el era o primoxénito de Xosé).
A Maquir, primoxénito de Menaxés e pai de
Galaad, por ser guerreiro, déuselle Galaad e
Baxán. [2]E houbo tamén para o resto dos fi-
llos de Menaxés, segundo as súas familias:
para os fillos de Abiézer, para os de Hélec,
que eran fillos de Asriel, os de Xequem, os de
Héfer e os de Xemidá, todos eles fillos homes
de Menaxés o fillo de Xosé, segundo as súas
familias. [3]Pero Selofhad, fillo de Héfer (o fi-
llo de Galaad, o fillo de Maquir, fillo de Me-
naxés), non tivo fillos homes, senón só fillas.
Os nomes das súas fillas eran estes: Mahlah,
Noah, Hoglah, Milcah e Tirsah.

[4]E foron onda o sacerdote Elazar, onda
Xosué, o fillo de Nun, e mais onda os prín-
cipes, dicindo: –O Señor mandou a Moisés
darnos herdanza no medio de nosos irmáns.

E déronlles a partilla entre os irmáns de
seu pai, de acordo co mandamento do Señor.
[5]E tocáronlle a Menaxés dez partes, ademais
da terra de Galaad e o Baxán (que está na
outra banda do Xordán), [6]pois as fillas de
Menaxés recibiron a herdanza no medio dos
parentes del, sendo a terra de Galaad para os
fillos homes de Menaxés.

[7]E o lindeiro de Menaxés ía desde Axer ata
Micmetat (que está en fronte de Xequem),
continuando cara a Iamín, onda os veciños
de En-Tapúah. [8]A terra de Tapúah correspon-
deulle a Menaxés; pero a aldea situada no
extremo de Menaxés, pertencía aos fillos de
Efraím. [9]E baixaba o lindeiro ao torrente de
Canah polo sur do torrente. Esas cidades de
Efraím estaban no medio das cidades de Me-
naxés e o lindeiro de Menaxés ía tamén polo
norte do torrente ata saír ao mar. [10]Polo sur
estaba Efraím; e polo norte Menaxés, tendo
como lindeiro o mar; e atopábanse polo nor-
te en Axer, e, polo leste, en Isacar. [11]E foron
para Menaxés, en Isacar e en Axer, Bet-Xeán
e as súas vilas, Ibleam e as súas vilas, e os
veciños de Dor e das súas vilas, e os veciños
de En-Dor e das súas vilas, e os veciños de
Tanac e das súas vilas, e os veciños de Me-
guido e das súas vilas: tres outeiros.

[12]Pero os fillos de Menaxés non puideron
botar fóra aos veciños daquelas cidades; e
viviron tranquilos os cananeos residindo
naquela terra. [13]Cando os fillos de Israel se
fortaleceron, impuxéronlles tributo aos cana-
neos; pero botar, non os botaron.

[14]E protestaron os fillos de Xosé a Xosué,
dicindo: –Por que nos destes só unha parte
da herdanza e da terra, sendo nós un pobo
numeroso, bendicido por Deus ata o remate?

[15]Respondeulles Xosué: –Se sodes un
pobo numeroso, abride camiño na foresta, e
rozade para vós alí, na terra dos pericitas e
dos Refaím, xa que vos vén estreita a monta-
ña de Efraím.

[16]Dixeron entón os fillos de Xosé: –O
monte non é abondo para nós; e ademais
todos os cananeos que habitan en terra chá
teñen carros de ferro, tanto os que están en
Bet-Xeán e nas súas vilas, como os que mo-
ran na chaira de Iezrael.

[17]E dixo Xosué á casa de Xosé –a Efraím
e a Menaxés–: –Ti es un pobo grande e tes
moita forza: non levarás unha partilla soa,
[18]pois o monte será para ti. Como hai madei-
ra, cortarala e aproveitaraste dela: e os seus
lindeiros serán teus, pois botarás fóra aos
cananeos, aínda que teñan carros de ferro e
sexan tamén eles fortes.

### A sorte das outras tribos

**18** [1]E toda a asemblea dos fillos de Israel
congregouse en Xiloh e estableceu alí
a Tenda do Encontro; e o país quedoulles so-
metido. [2]Pero quedaban aínda sete tribos de
entre os fillos de Israel sen recibiren a súa
partilla.

[3]E dixo Xosué aos fillos de Israel: –Ata
cando continuaredes sendo lacazáns para

**17**, 1 *Galaad* e mais o *Baxán* procedía asignarllos a un clan forte, polo perigo constante de ataques dos amorreos e dos nómades do deserto.
**17**, 4 Cf Núm 36.
**17**, 11 *Bet-Xeán* era unha vila importante, citada nas cartas de El Amarna, e situada a 20 km ao L de Iezrael e a 5 km ao O do Xordán. *Ibleam* está a 10 ou 11 km ao SL de Tanac. Asignóuselles aos fillos levitas de Quehat (**21**, 25). O texto hebreo sinala seis cidades, máis as que dependen delas; e remata dicindo que son "tres outeiros". Os LXX cambian o texto por estoutro: "E Menaxés terá, da partilla de Isacar e de Axer, Bet-Xeán e as súas vilas, os veciños de Dor e as súas vilas, os veciños de Meguido e as súas vilas, e a terceira parte de Mafeta e as súas vilas". As outras versións ofrecen tamén lecturas diferentes.
**17**, 15 *A terra dos pericitas e dos Refaím* é na outra banda do Xordán (cf Dt **2**, 18-20; **3**, 13).
**18**, 1 *Xiloh* está situado ao N de Betel e ao S de Lebonah. Actualmente chámase Quirbet-Seilún (=as ruínas de Seilún). En Xiloh existiu un santuario moi importante nos tempos de Samuel e de Xaúl. Alí tiña entón a súa morada a Arca da Alianza. O santuario foi destruído polos filisteos. Algúns profetas aproveitarán o feito da destrución de Xiloh para poñer á espreita a xente, de xeito que cumpran a Alianza e non lles aconteza outro tanto ca o templo de Xerusalén (cf Xer **7**, 12).

pasar a herdar a terra que vos deu o Señor, Deus de vosos pais? [4]Escollede de entre vós tres homes por tribo. Eu enviareinos, e eles ergueranse e irán polo país e tomarán nota del no tocante á vosa herdanza e volverán despois onda min. [5]Eles dividirán o país en sete partes. Xudá quedará co seu territorio ao sur; e a casa de Xosé quedará co seu territorio ao norte. [6]E vós faredes a descrición do país en sete lotes e traerédesma a min; e eu sinalareivos as porcións aquí, diante do Señor, o noso Deus, [7]porque os levitas non teñen parte ningunha entre vós –pois a súa parte é o sacerdocio do Señor–, e Gad e Rubén e mais a media tribo de Menaxés colleron os seus eidos na outra banda do Xordán, ao oriente, e déullela a eles Moisés, o servo do Señor.

[8]Erguéronse os homes e emprenderon camiño. E Xosué mandáralles describir a terra, dicindo: –Ide, e percorrede a terra e describídea: logo tornade onda min e aquí escolmarei os lotes para vós, diante do Señor, en Xiloh.

[9]E foron os homes e percorreron o país, e describírono no libro por cidades, en sete partes; e tornaron onda Xosué ao campamento, en Xiloh. [10]E Xosué partillou lotes para eles, en Xiloh, diante do Señor, e repartiu alí Xosué o país para os fillos de Israel, de acordo coas súas divisións.

### A partilla de Benxamín

[11]E saíu o lote da tribo dos fillos de Benxamín, segundo as súas familias, e tocoulle o lindeiro da parte deles entre os fillos de Xudá e os fillos de Xosé. [12]E saía o seu lindeiro norte desde o Xordán, continuaba pola montaña ao oeste, e saía ao deserto de Bet-Aven. [13]Despois ía cara a Luz, e pasaba a carón de Luz, polo sur da cidade (de Betel), e baixaba a Atarot-Adar, na montaña que está ao sur de Bet-Horón de Abaixo. [14]O lindeiro ía para adiante e volvía á beira do mar polo sur, desde a montaña que está en fronte a Bet-Horón polo sur, e saía a Quiriat-Baal (que é Quiriat-Iearim, cidade dos fillos de Xudá), no tocante ao cuadrante occidental. [15]En canto ao cuadrante sur, partía do remate de Quiriat-Iearim e ía cara ao oeste, saíndo ás fontes das augas de Neftóah. [16]Baixaba ata o remate da montaña que está en fronte do val de Ben-Hinnom (ao norte do val dos Refaím), ía polo val de Hinnom a carón dos iebuseos, polo sur, e baixaba a En-Róguel. [17]Continuaba polo norte e saía a En-Xémex; ía dar a Guelilot, que está en fronte da subida de Adumín, e baixaba á rocha de Bohán, fillo de Rubén. [18]Despois pasaba á outra banda, a da Arabah, polo norte, e baixaba ata a Arabah; [19]pasaba a carón de Bet-Hoglah, polo norte, e saía ao norte da lingua do mar do Sal, ao sur da desembocadura do Xordán (este é o lindeiro meridional). [20]E polo leste lindaba co Xordán. Esta é a herdanza dos fillos de Benxamín, segundo os seus lindeiros circundantes e segundo as súas familias.

[21]E correspondéronlle á tribo de Benxamín, segundo as súas familias, as cidades de Iericó, Bet-Hoglah, Émec-Quesis, [22]Bet-Arabah, Semaraim, Betel, [23]Avim, Parah, Ofrah, [24]Quefar-Amonai, Ofni e Gaba: doce cidades coas súas aldeas. [25]Gabaón, Ramah, Beerot, [26]Mispeh, Quefirah, Mosah, [27]Requem, Irpeel, Taralah, [28]Selá, Élef, Iebusí –que é Xerusalén–, Guibat e Quiriat: catorce cidades e as súas aldeas. Esta é a herdanza dos fillos de Benxamín, segundo as súas familias.

### A partilla de Simeón

**19** [1]O segundo lote foi para Simeón, para a tribo dos fillos de Simeón, segundo as súas familias, e tiveron os seus eidos no medio da herdanza dos fillos de Xudá. [2]E tocoulles en herdanza Beerxeba, Xeba, Moladah, [3]Hásar-Xual, Balah, Sem, [4]Eltolad, Betul, Hormah, [5]Siclag, Bet-Marcabot,

**18**, 4 O redactor fala do país como se xa pertencera a Israel. No intre en que el escribe, poderían levar adiante ese traballo con facilidade; pero nos tempos de Xosué, non.
**18**, 5 Sete partes, cadansúa para as tribos de Simeón, Dan, Naftalí, Axer, Isacar, Zebulón e Benxamín.
**18**, 11 *Benxamín* recibe o seu territorio entre Menaxés (ao N) e Xudá (ao S).
**18**, 12 *O deserto de Bet-Aven* está ao oriente de Betel. Como o vocábulo Bet-Aven significa "casa ruín", algúns profetas (Os **5**, 8; **10**, 5; Am **5**, 5) chámanlle Bet-Aven a Betel, pola dexeneración habida neste santuario. Con todo, tanto en Xos **7**, 2 coma no v. que comentamos, Bet-Aven é distinto de Betel. Veremos decontado que no libro de Xosué, cando se lle quere dar outro nome a Betel, chámaselle "Luz" (**18**, 13; cf **16**, 12).
**18**, 16 *O val do fillo de Hinnom*: "Gue-ben-Hinnom" (en grego "Guehenna"), vai polo sur de Xerusalén ata o torrente Cedrón. No lugar onde se encontran os dous atópase a fonte de Róguel ("En-Róguel"). O autor sacerdotal ten interese en defender Xerusalén como pertencente a Benxamín (cf **15**, 7ss; **18**, 28; Xuí **1**, 21).
**18**, 19 *Bet-Hoglah* está 5 km ao SO de Iericó.

Hasar-Susah, [6]Bet-Lebaot e Xeruhén: trece cidades e as súas aldeas: [7]In, Rimón, Éter e Axán: catro cidades e as súas aldeas; [8]e mais todas as aldeas que hai arredor desas cidades ata Balat-Beer, que é Ramat do Sur. Esta era a herdanza da tribo dos fillos de Simeón, segundo as súas familias. [9]Da partilla dos fillos de Xudá, tocoulles herdanza aos fillos de Simeón, pois o lote dos fillos de Xudá era de máis para eles; e herdaron os fillos de Simeón no medio do territorio daqueles.

### A partilla de Zebulón

[10]O terceiro lote foi para os fillos de Zebulón, segundo as súas familias, e chegou o lindeiro da súa herdanza ata Sarid. [11]De aí subía cara ao occidente e a Maralah, e chegaba a Dabéxet e mais ao torrente que está en fronte de Iocneam. [12]E volvía de Sarid cara ao oriente á saída do sol, ata o extremo de Quislot-Tabor, prolongábase ata Daberat e subía a Iafía. [13]Desde alí pasaba cara ao oriente, a Guitah-Hérfer e Itah-Casín, e saía a Rimón-Metoar e a Neah. [14]Despois dobraba cara ao norte, a Hanatón, e remataba no val de Iefteel. [15]Con Catat, Nahalal, Ximrón, Idalah e Belén, son doce cidades coas súas aldeas. [16]Esta é a herdanza dos fillos de Zebulón, segundo as súas familias: esas cidades, coas súas aldeas.

### A partilla de Isacar

[17]O cuarto lote que saíu foi para Isacar: para os fillos de Isacar, segundo as súas familias. [18]O seu lindeiro ía cara a Iezrael, Quesulot, Xunem, [19]Hafaraim, Xión, Anaharat, [20]Rabit, Quixión, Abes, [21]Rémet, En-Ganim, En-Hadah e Ben-Passés. [22]O lindeiro chega ao Tabor, a Xahasimah e Bet-Xémex, e remata no Xordán. No total, dezaseis cidades e as súas aldeas. [23]Esta é a herdanza da tribo dos fillos de Isacar, segundo as súas familias: as cidades, coas súas aldeas.

### A partilla de Axer

[24]O quinto lote que saíu foi para a tribo dos fillos de Axer, segundo as súas familias. [25]O seu lindeiro ía por Helcat, Halí, Beten, Acxaf, [26]Alamélec, Amad e Mixal; e polo occidente chegaba ao Carmelo e mais a Xihor-Libnat. [27]Volvía cara ao oriente, a Bet-Dagón, e chegaba a Zebulón e mais á parte norte do val de Iefteel, e Bet-Émec e Neiel, e saía pola esquerda a Cabul, [28]Hebrón, Rehob, Hamón e Canah, ata Sidón a Grande. [29]O lindeiro xiraba cara a Ramah e ata a Forteza de Tiro, e volvía a Hosah, para saír ao mar pola parte de Aczib. [30]Collía tamén Umah, Afec e Rehob: no total, vinte e dúas cidades coas súas aldeas. [31]Esta era a herdanza da tribo dos fillos de Axer, segundo as familias: esas cidades e mais as súas aldeas.

### A partilla de Naftalí

[32]O sexto lote que saíu foi para a tribo de Naftalí: para os fillos de Naftalí, segundo as súas familias. [33]O seu lindeiro ía desde Hélef desde a aciñeira de Saananim, Adamí-Néqueb e Iabneel, ata Lacum e prolongábase ata o Xordán; [34]volvía polo occidente a Asnot-Tabor, dirixíase desde alí a Hucoc, chegaba a Zebulón polo sur, e tiña a Axer polo occidente e o Xordán polo oriente. [35]Collía tamén as cidades de defensa, de Sidim, Ser, Hamat, Racat, Quinéret, [36]Adamah, Ramah, Hasor, [37]Quédex, Edrei, En-Hasor, [38]Irón, Migdal-El, Harem, Bet-Anat e Bet-Xémex: dezanove cidades coas súas aldeas. [39]Esta era a herdanza da tribo dos fillos de Naftalí, segundo as súas familias: esas cidades e mais as súas aldeas.

**19**, 6 Fálase de trece cidades e noméanse catorce. Quizais o sinalar "Xeba" detrás de Beerxeba sexa un erro, unha repetición: por esa razón a omitimos. De feito, ao facer a lista das tribos de Benxamín o autor de 1 Cro **4**, 28-31 recolle todos os nomes desas cidades con lixeiras variantes nalgunha delas, a excepción de Xeba.
Beerxeba e mais outras cidades citadas en **19**, 2-7, aparecen en **15**, 20-32 como pertencentes a Xudá. Xos **19**, 1b. 9 aclárannos o problema: como Xudá tiña moito territorio, déuselle unha parte dela a Simeón.
**19**, 10 O territorio da tribo de Zebulón lindaba polo N con Axer; polo L, con Naftalí; e polo S, con Isacar. Polo O, tendo en conta os lindeiros sinalados no libro de Xos, debería lindar con Axer. Non obstante, Xén **49**, 13 e Dt **33**, 19 fannos pensar que o lindeiro occidental era o Mediterráneo.
**19**, 15 Esta *Belén*, pertencente á tribo de Zebulón, é unha cidade galilea. Loxicamente non ten nada que ver con Belén de Xudá, situada 7 km ao S de Xerusalén.
**19**, 17 O territorio de *Isacar* lindaba polo N con Zebulón e Naftalí; e polo S con Efraím e Menaxés.
**19**, 24 Axer lindaba co Mediterráneo polo O; coa Fenicia polo N; con Zebulón e Naftalí, polo L; e con Menaxés ou quizais con Zebulón polo S.
**19**, 28 Este *Hebrón* non ten nada que ver coa vila situada 40 km ao S de Xerusalén (a antiga Quiriat-Arbá).
Algúns manuscritos do texto hebreo poñen "Abdón", en vez de Hebrón. O texto de Xos **21**, 30 explicaríase mellor se a cidade levítica de Abdón, pertencente á tribo de Axer, viñese na lista de cidades de Axer.
**19**, 32 O territorio de *Naftalí* estaba situado ao longo do Xordán e dos dous lagos de Galilea. Polo O lindaba con Axer e Zebulón; e polo S con Zebulón e Isacar.

### A partilla de Dan

40O sétimo lote que saíu foi para a tribo
dos fillos de Dan. 41O lindeiro da súa herdan-
za collía Sorah, Extaol, Ir-Xémex, 42Xaala-
bín, Aialón, Itlah, 43Elón, Timnátah, Ecrón,
44Eltequeh, Guibetón, Baalat, 45Ihud, Bené-
Berac, Gat-Rimón, 46Me-Iarcón e mais Ra-
cón, co lindeiro en fronte de Iafa. 47O lindeiro
dos fillos de Dan saía fóra do seu territorio,
pois os fillos de Dan foron e loitaron contra
Léxem e ocupárona; despois, pasárona pola
espada e posuírona e habitaron nela. E cha-
maron a Léxem, Dan, coma o seu devancei-
ro. 48Esta era a herdanza dos fillos de Dan,
segundo as súas familias: esas cidades e mais
as súas aldeas.

### A herdanza de Xosué

49Cando remataron de distribuír a terra
segundo os seus lindeiros, os fillos de Israel
deron herdanza a Xosué, fillo de Nun, no me-
dio deles, 50cumprindo co mandato do Señor.
Déronlle a cidade que pediu: Timnat-Sérah,
na serra de Efraím. Entón edificou a cidade
e habitou nela.

### Conclusión das partillas

51Estes son os territorios que herdaron o
sacerdote Elazar e Xosué, fillo de Nun, e os
xefes de familia das tribos dos fillos de Israel,
por sortes, en Xiloh, diante do Señor, á porta
da Tenda do Encontro e remataron así de re-
partir o país.

### As vilas de refuxio

**20** 1E díxolle o Señor a Xosué: 2–Fálalles
aos fillos de Israel, e dilles: Escollede
para vós as cidades de refuxio, tal como vos
prometín por medio de Moisés, 3de xeito que
poida fuxir a elas o homicida que matase a
alguén por erro, non de grado; e serviranvos
de refuxio verbo do vingador do sangue. 4O
homicida fuxirá a unha desas cidades, e de-
terase no limiar da porta e contaralles o seu
caso aos anciáns da cidade aquela; e acollera-
no na vila e daranlle un lugar para morar en-
tre eles. 5E, aínda que o vingador do sangue o
persiga, eles non entregarán o homicida nas
súas mans, pois non de grado matou ao seu
próximo, a quen antes non odiara. 6E mora-
rá na cidade aquela ata que teña o xuízo da
asemblea e ata a morte do sumo sacerdote de
entón. Daquela volverá o homicida e entrará
na súa vila e na súa casa, na cidade da que
fuxira.

7E escolleron a Quédex, en Galilea, na se-
rra de Naftalí; a Xequem, na serra de Efraím,
e a Quiriat-Arbá, que é Hebrón, na serra de
Xudá. 8E na outra banda do Xordán, ao orien-
te de Iericó, sinalaron a Béser, no deserto, á
altura da tribo de Rubén; a Ramot, en Ga-
laad, da tribo de Gad; e a Golán, no Baxán,
da tribo de Menaxés. 9Esas foron as cidades
de refuxio para todos os fillos de Israel e
mais para o forasteiro que andase no medio
deles, para fuxir alí todo o que mate a alguén
non de grado, de xeito que non morra a mans
do vingador do sangue, namentres non com-
pareza diante da asemblea.

### As vilas dos levitas

**21** 1E achegáronse os cabezas de familia
dos levitas ao sacerdote Elazar e a Xo-
sué, fillo de Nun, e aos cabezas de familia
das tribos de Israel, 2e faláronlles en Xiloh,
na terra de Canaán, deste xeito: –O Señor,
por medio de Moisés, mandou que se nos
desen pobos para residirmos, con chairas
para o noso gando.

3E déronlles os fillos de Israel aos levitas
da súa herdanza, pola palabra do Señor, estas
vilas e as súas chairas:

4Saíu a sorte para as familias dos que-
hatitas e sacaron para os fillos levitas do

**19**, 40 O territorio de *Dan* caía na banda costeira, ao N de Simeón, ao O de Efraím e Xudá, e ao S de Menaxés. Con todo, ou porque lles resultaba pequena a súa herdanza (**19**, 47), ou máis ben porque os filisteos dominaban naquel territorio, marcharon para o norte e fóronse establecer no extremo de Israel (**19**, 47; Xuí **18**, 2.7-29).

**20**, 3 *Vingar o sangue* era unha das obrigas do "goel", o parente máis próximo dunha persoa (cf Núm **35**, 21; cf Rut **2**, 20 nota).

**20**, 6 Se *o homicida* resultaba inocente no xuízo, deixábano quedar naquela cidade, e debía permanecer alí para non caer nas mans do vingador do sangue (cf Núm **35**, 20-27). En morrendo o sumo sacerdote, podía volver xa para a súa casa (Núm **35**, 25. 28), pois a morte do sumo sacerdote considerábase expiatoria dos erros do pobo e xa non tiña por que temer o "goel".

**21**, 2 O mandato ao que se alude é o referido en Núm **35**, 2-5. 1 Sam **21**, 2 e **22**, 9-19 falan dunhas vilas onde vivían sacerdotes.

**21**, 4 Fanse lotes distintos para os levitas non sacerdotes e para os sacerdotes. Uns e outros considerábanse descendentes de Aharón e fillos de Leví (1 Cro **5**, 27; **6**, 1). Entre os levitas, déronlle unha parte a Quehat, outra a Guerxón e outra a Merarí, todos eles fillos de Leví. No total, asignáronlles aos da tribo de Leví corenta e oito cidades cos seus pastos (cf Núm **35**, 7). Seis delas eran xa cidades de refuxio (Xos **20**, 7-8; cf Núm **35**, 6); e as outras corenta e dúas foron escolmadas dos outros lotes, segundo a amplitude da tribo e a herdanza que recibira (cf Núm **35**, 8).

sacerdote Aharón trece vilas, do lote da tribo de Xudá, da tribo de Simeón, e da tribo de Benxamín. [5]E para os restantes fillos de Quehat, das familias da tribo de Efraím, da tribo de Dan e da media tribo de Menaxés correspondéronlles na sorte dez vilas. [6]E para os fillos de Guerxón, das familias da tribo de Isacar, da tribo de Axer, da tribo de Naftalí e da media tribo de Menaxés no Baxán tocáronlles en sorte trece vilas. [7]Para os fillos de Merarí, segundo as súas familias, da tribo de Rubén, da tribo de Gad, e da tribo de Zebulón, doce vilas.

[8]E deron os fillos de Israel aos levitas estas vilas cos seus pastos en sorte, segundo mandara o Señor por medio de Moisés. [9]E déronlles, da tribo dos fillos de Xudá e da tribo dos fillos de Simeón, esas vilas que van chamadas polo nome: [10]Para os fillos levitas de Aharón, das familias dos quehatitas –pois a eles correspondera o primeiro lote–, [11]déronlles Quiriat-Arbá (a vila do pai de Anoc, que é a cidade de Hebrón, na serra de Xudá), coas chairas dos seus arredores. [12]Pero a zona verde da cidade e das súas aldeas déronllas a Caleb, fillo de Iefuneh, en propiedade. [13]E aos fillos sacerdotes de Aharón déronlles Hebrón (para cidade de refuxio do homicida) e os seus pastos, e Libnah e os seus pastos. [14]Iatir cos seus pastos, Extemoa cos seus pastos, [15]Holón cos seus pastos, Debir cos seus pastos, [16]In cos seus pastos, Iutah cos seus pastos e Bet-Xémex cos seus pastos: nove vilas, escolmadas daquelas dúas tribos. [17]E da tribo de Benxamín, Gabaón cos seus pastos, Gueba cos seus pastos, [18]Anatot cos seus pastos e Almón cos seus pastos: catro cidades. [19]Todas as cidades dos sacerdotes fillos de Aharón, eran trece, cos seus pastos.

[20]E ás familias dos levitas fillos de Quehat –os outros fillos de Quehat–, déronlles un lote de cidades escolmadas da tribo de Efraím: [21]Xequem (para cidade de refuxio do homicida, na serra de Efraím) cos seus pastos, Guézer cos seus pastos, [22]Quibsaim e os seus pastos, e Bet-Horón e os seus pastos: catro cidades. [23]E da tribo de Dan, Eltequé e os seus pastos, Guibetón e os seus pastos, [24]Aialón e os seus pastos, e Gat-Rimón e os seus pastos: catro cidades. [25]E da media tribo de Menaxés, Taanac e os seus pastos, e Ibleam e os seus pastos: dúas cidades. [26]No total, dez, cos seus pastos, para as restantes familias dos fillos de Quehat. [27]E para as familias dos levitas fillos de Guerxón partillaron da media tribo de Menaxés Golán (no Baxán, como cidade de refuxio do homicida) cos seus pastos, e Bet-Axtarah cos seus pastos: dúas cidades. [28]E da tribo de Isacar, Quixón, cos seus pastos, Daberat cos seus pastos, [29]Iarmut cos seus pastos e mais En-Ganim cos seus pastos: catro cidades. [30]E da tribo de Axer, Mixal cos seus pastos, Abdón cos seus pastos, [31]Helcat cos seus pastos e Rehob cos seus pastos: catro cidades. [32]E da tribo de Naftalí, Quédex (en Galilea, para cidade de refuxio do homicida) cos seus pastos, Hamot-Dor cos seus pastos e Cartán cos seus pastos: tres cidades. [33]Todas as cidades dos guerxonitas, segundo as súas familias, eran trece, cos seus pastos.

[34]E para as familias do resto dos levitas fillos de Merarí, escolmaron da tribo de Zebulón, Iocneam cos seus pastos, Cartah cos seus pastos, [35]Dimnah cos seus pastos e Nahalal cos seus pastos: catro cidades. [36]Da tribo de Rubén, Béser e os seus pastos, Iahsah e os seus pastos, [37]Quedemot e os seus pastos e Mefáat e os seus pastos: catro cidades. [38]E da tribo de Gad, Ramot (en Galaad, para cidade de refuxio do homicida) cos seus pastos, Mahanaim e os seus pastos. [39]Hexbón cos seus pastos, Iazer cos seus pastos: no total, catro cidades. [40]A suma de todas as cidades que lles tocaron aos fillos de Merarí para as súas familias para os que quedaban das familias de levitas, foi de doce cidades. [41]E o número de cidades dos levitas na propiedade dos fillos de Israel foi de corenta e oito cos seus pastos: [42]como tiña cada unha os pastos arredor, así os tiña o resto delas.

### Conclusión teolóxica

[43]E deu o Señor a Israel toda a terra que xurara aos seus devanceiros que había de darlles: e herdárona e viviron nela. [44]E o Señor deulles acougo á redonda, como prometera aos seus devanceiros, e non houbo inimigo que resistise diante deles: o Señor púxoos a todos nas súas mans. [45]Non fallou unha de todas as boas promesas que fixera o Señor á casa de Israel: todiñas se cumpriron.

**21**, 11 Os vv. 11-12 tratan de harmonizar a dobre pertenza da vila de Hebrón a Caleb (**15**, 13) e aos sacerdotes (**21**, 13). Aquí dísenos que a cidade foi para os sacerdotes, pero que a zona verde da vila e mais as aldeas do arredor foron para Caleb.

**21**, 43 Os vv. 43-45 son os únicos deste c. que non pertencen ao autor sacerdotal. Son obra do deuteronomista, que gusta de recordarnos que Deus é sempre fiel as súas promesas. Precisamente con estes vv. remata a historia que comezara no c. primeiro, e resúmea constatando que Israel tomou posesión de todo o país que Deus lle dera.

### Discurso de Xosué ás tribos de Galaad

**22** [1]Por aquel entón chamou Xosué aos
rubenitas, aos gaditas e á media tribo
de Menaxés, [2]e díxolles: –Vós gardastes todo
canto vos mandara Moisés, servo do Señor,
e escoitastes a miña voz, todo canto eu vos
mandei; [3]non abandonastes a vosos irmáns
durante todo este tempo, ata o día de hoxe,
senón que observastes con fidelidade o man-
damento do Señor, o voso Deus. [4]E agora o
Señor, o voso Deus, deulles acougo a vosos
irmáns, como lles tiña prometido. Así que
volvede e ídevos ás vosas tendas, á terra da
vosa herdanza, que vos deu Moisés, servo do
Señor, na outra banda do Xordán. [5]O que si
habedes de coidar é cumprir o mandamento
e a Lei que vos impuxo Moisés, servo do
Señor, de xeito que amedes o Señor, o voso
Deus, e vaiades polos seus camiños, e custo-
diedes os seus mandatos, para que vos afec-
cionedes a El e o sirvades de todo corazón e
con toda a vosa alma.

[6]E bendiciunos Xosué e despediunos e fo-
ron para as súas tendas. [7]E á media tribo de
Menaxés déralle posesión Moisés no Baxán,
namentres que á outra media lla deu Xosué
entre os seus irmáns, nesta banda do Xordán,
na do occidente.

E, ao mandalos Xosué para as súas tendas,
bendiciunos, [8]e díxolles: –Tornades ás vosas
tendas con moitos bens, con abonda facen-
da, con prata, ouro, cobre, ferro e vestidos en
gran cantidade: repartide con vosos irmáns
os despoxos dos vosos inimigos.

[9]Daquela volveron os fillos de Rubén, os
fillos de Gad e a media tribo de Menaxés, e
deixaron Xiloh, onde estaban os fillos de Is-
rael, na terra de Canaán, para se dirixiren á
terra de Galaad, á terra da súa herdanza, que
tiñan asignada pola palabra que dera o Señor
por medio de Moisés.

### O altar das tribos de Galaad

[10]En chegando á beira do Xordán na te-
rra de Canaán os fillos de Rubén, os fillos de
Gad e a media tribo de Menaxés construíron
alí un altar grande, para poderen contempla-
lo. [11]E chegou isto aos ouvidos dos fillos de
Israel: "Velaquí que os fillos de Rubén, os
fillos de Gad e mais a media tribo de Me-
naxés edificaron un altar no extremo da te-
rra de Canaán, á beira do Xordán, na banda
dos fillos de Israel". [12]Entón xuntouse toda a
asemblea dos fillos de Israel en Xiloh, para
declararlles a guerra. [13]E enviaron os fillos
de Israel onda os fillos de Rubén e os fillos
de Gad e a media tribo de Menaxés, na terra
de Galaad, a Pinhás, fillo do sacerdote Ela-
zar, [14]xunto con dez príncipes, un por cada
tribo de Israel, sendo cada un deles xefe da
súa familia patriarcal, entre os milleiros de
Israel.

[15]E chegaron onda os fillos de Rubén, onda
os fillos de Gad e onda a media tribo de Me-
naxés, na terra de Galaad, e faláronlles deste
xeito: [16]–Así se pronunciou toda a asemblea
do Señor: Que deslealdade é esa que come-
testes contra o Deus de Israel, arredándovos
hoxe do seguimento do Señor, edificando un
altar e opoñéndovos así hoxe a Iavé? [17]Logo
non nos era dabondo o pecado de Peor, do
que non nos demos purificado ata o día de
hoxe, e que trouxo a praga á congregación do
Señor? [18]E vós arredádesvos hoxe do seguimento de Iavé, e, obrando así, opoñéndovos
hoxe ao Señor, o día de mañá vaise alporizar
contra toda a asemblea de Israel. [19]No caso
de que consideredes impura a terra da vosa
herdanza, pasádevos á terra da herdanza do
Señor, onde mora o seu tabernáculo, e toma-
de posesión no medio de nós; pero non vos
arrepoñades contra o Señor e contra nós: non
vos rebeledes facéndovos un altar a maiores
do altar do Señor, o noso Deus. [20]E logo non
cometeu unha deslealdade co entredito Acán,
o fillo de Zérah, e ceibouse a cólera sobre
toda a asemblea de Israel? E non veu el mo-
rrer co seu pecado?

[21]Os fillos de Rubén, os fillos de Gad e
a media tribo de Menaxés, responderon aos

**22**, 1 A perícope de Xos **1**, 12-18 viña ser coma unha chamada, que ten a súa correspondencia en **22**, 1-8. Os derradeiros vv. do c. anterior (**21**, 43-45) fan coma de ponte. As tres perícopes levan o selo do deuteronomista.
**22**, 9 Xos **22**, 9-34 é obra do autor sacerdotal. Narra o problema que crearon as tribos da Transxordania ao construíren un altar. O relato presupón a reforma de Ioxías (século VII a. C.), centralizando o culto nun único santuario, o de Xerusalén.
**22**, 11 Os LXX quizais por seren demasiado ríxidos ao traducir unha preposición hebrea sitúan o altar na banda oriental do Xordán, na terra de Galaad. Pero o v. 10 é claro ao afirmar que foi no país de Canaán; e o v. 11 é aínda máis explícito ao dicir que estaba na banda dos fillos de Israel.
**22**, 14 Cf Núm **1**, 16.
**22**, 17 *Peor* é un monte do Moab, onde probablemente había un santuario dedicado a Baal. Os fillos de Israel mesturáranse cos moabitas e participaran nos seus sacrificios, provocando a ira do Señor, e morrendo moitos deles (Núm **25**, 1ss). Agora, o autor sacerdotal, coñecedor da lei de centralización do culto, pon en boca dos que vivían na época de Xosué un razoamento non válido para os tempos aqueles, aínda que o fose para os coetáneos do autor do libro.
**22**, 20 Cf Xos **7**.

xefes dos milleiros de Israel: 22–El, Elohim, Iavé; El, Elohim, Iavé: El ben o sabe e Israel hao saber. Se foi por rebelión ou por deslealdade ao Señor, que non pasemos de hoxe, 23por construírmos un altar para arredarnos do seguimento do Señor: se foi para ofrecerlle holocaustos, presentar ofrendas ou ofrecerlle sacrificios pacíficos, que o mesmo Señor o inquira. 24Ou se máis ben foi por inquedanza nosa, pensando: "O día de mañá dirán vosos fillos aos nosos: que tedes que ver vós co Señor, Deus de Israel? 25Pois o Señor puxo de lindeiro entre nós e vós fillos de Rubén e fillos de Gad o Xordán, non tedes parte co Señor". E así, vosos fillos farán afogar nos nosos o temor do Señor. 26Foi por iso que dixemos: Temos que construír un altar, non para holocaustos nin sacrificios, 27senón para que sexa testemuña entre nós e vós, e entre as xeracións que nos seguirán, de que queremos ofrecer o culto ao Señor diante del, cos nosos holocaustos e cos nosos sacrificios e coas nosas ofrendas pacíficas; e así non dirán vosos fillos o día de mañá aos nosos: "Non tedes parte co Señor". 28E dixemos: Acontecerá que, se o día de mañá nolo din a nós e ás nosas xeracións, responderemos: "Ollade o exemplar de altar do Señor que fixeron os nosos devanceiros non para holocaustos nin para sacrificios, pois testemuña é el entre nós e vós". 29Líbrenos Deus de opoñernos a El e de arredarnos hoxe do seguimento do Señor por construírmos un altar para os holocaustos, para as ofrendas e sacrificios, a maiores do altar do Señor, o noso Deus, que está diante da súa morada.

30Cando o sacerdote Pinhás, os príncipes da asemblea e os xefes dos milleiros de Israel, oíron as palabras que dixeron os fillos de Rubén, os fillos de Gad e mais os fillos de Menaxés, quedaron conformes. 31E dixo Pinhás –o fillo de Elazar o sacerdote– aos fillos de Rubén, aos fillos de Gad e aos fillos de Menaxés: –Agora sabemos que o Señor está no medio noso, pois non cometestes tal deslealdade contra El, librando así aos fillos de Israel da man do Señor.

32Cando Pinhás, fillo de Elazar o sacerdote, e mais os príncipes volveron de onda os fillos de Rubén e os fillos de Gad, da terra de Galaad, á terra de Canaán, onda os fillos de Israel, fixéronos sabedores do que lles acontecera. 33E a resposta contentou aos fillos de Israel, que loaron a Deus, e non falaron xa de loitar contra eles e asolar así a terra onde habitaban os fillos de Rubén e os de Gad. 34E os fillos de Rubén e mais os fillos de Gad chamáronlle a aquel altar Ed, pois dixeron: "É testemuña entre nós de que o Señor é Deus".

### Discurso de Xosué ás tribos de Canaán

**23** 1Moito tempo despois de concederlle o Señor a Israel acougo entre todos os seus inimigos de arredor, resulta que Xosué estaba avellentado, entrado en anos.

2E convocou Xosué a todo Israel aos seus anciáns, aos seus xefes, aos seus xuíces e aos seus oficiais, e díxolles: –Eu volvinme vello, entrado en anos. 3Vós ben vistes todo o que fixo o Señor, o voso Deus, a todos aqueles pobos xentís de diante de vós, porque o Señor, o voso Deus, loitaba da vosa parte. 4Ollade ben, eu fixen repartir en herdanza para as vosas tribos aqueles pobos xentís que quedaban xunto con todos os que exterminei, desde o Xordán ata o mar Grande, no occidente. 5E o Señor, o voso Deus, rexeitaraos de diante de vós e chimparaos fóra, de xeito que herdedes a súa terra, tal como vos prometera o Señor, o voso Deus. 6Esforzádevos moito por gardardes e facerdes todo o que está escrito no libro da Lei de Moisés, de xeito que non vos desviedes del á dereita nin á esquerda, 7nin vos xuntedes cos pobos xentís que quedaron entre vós, nin pronunciedes sequera o nome dos seus deuses, nin xuredes por eles, nin os sirvades, nin vos abatades diante deles; 8senón máis ben, apegádevos ao Señor, o voso Deus, como fixestes ata o día de hoxe, 9pois o Señor botou de diante de vós a pobos xentís grandes e poderosos, namentres que ninguén puido resistir diante de vós, ata o día de hoxe. 10Cada un de vós pode escorrentar a un milleiro, pois o Señor, o voso Deus, loita

**22**, 27 O feito de ter un altar viña ser un testemuño da fe en Iavé (cf v 34), e mais unha chamada constante á peregrinación a Xerusalén, para ofreceren alí, no único santuario do Señor, holocaustos e ofrendas pacíficas.

**23**, 1 Todo o c. **23** é obra do deuteronomista. As ideas que se expresan ao longo do c. atópanse abondas veces espalladas por todo o libro (cf Introd. 5).
**23**, 6 Falar daquela do "Libro da Lei" é un anacronismo: trasládase aos tempos do autor a época de Xosué.

da vosa parte a carón de vós, tal como vos prometeu. [11]Así que coidade ben de vós mesmos, de xeito que amedes o Señor, o voso Deus, [12]pois se arredar vos arredades del e vos achegades ao resto daqueles pobos xentís que quedaron entre vós, e casades con xente deles e andades con eles e eles convosco, [13]estade seguros de que o Señor, o voso Deus, non volverá botar de diante de vós a aqueles pobos: e eles serán para vós rede e lazo, tralla no voso lombo e espiñas nos vosos ollos, ata que desaparezades desta boa terra que o Señor, o voso Deus, vos entregou. [14]Velaquí que eu estou hoxe para percorrer o camiño de todos. Recoñece con todo o corazón e con toda a alma que non fallou unha soa das promesas que vos fixo o Señor, o voso Deus: todiñas se cumpriron, sen faltar unha. [15]E así como chegaron a cumprirse todas as boas promesas que vos fixera o Señor, o voso Deus, do mesmo xeito fará chegar o Señor sobre vós todas as ameazas, ata chimparvos desta boa terra que vos deu o Señor, o voso Deus. [16]Cando fendades a Alianza que o Señor, o voso Deus, vos estableceu, e vaiades e sirvades a deuses alleos, e vos prostredes diante deles, prenderase a ira do Señor contra vós e desapareceredes axiña desta boa terra que El vos deu.

### O testamento de Xosué e a Alianza de Xequem

**24** [1]E xuntou Xosué a todas as tribos de Israel en Xequem, e chamou os anciáns de Israel, os xefes, os xuíces e mais os oficiais, e presentounos diante de Deus. [2]E Xosué falou a todo o pobo deste xeito: –Así di o Señor, Deus de Israel: Os vosos devanceiros viviron desde sempre na outra banda do río (Térah, o pai de Abraham e mais de Nahor) e serviron a deuses alleos. [3]E collín a voso pai Abraham da outra banda do río e leveino por toda a terra de Canaán, e multipliquei a súa semente dándolle a Isaac. [4]E a Isaac deille a Xacob e mais Esaú. A Esaú deille en herdanza a montaña de Seir, mentres que Xacob e seus fillos baixaron a Exipto. [5]E enviei a Moisés e mais a Aharón, e ferín a Exipto coas obras que fixen naquela terra, e despois logrei tirarvos de alí. [6]Saquei aos vosos devanceiros de Exipto e chegastes ao mar. Os exipcios perseguiron aos vosos devanceiros con carros e cabaleiros ata o mar Vermello. [7]E clamaron os vosos ao Señor, e interpuxo a tebra entre vós e Exipto, e botou sobre os outros o mar, que os enguliu. Ben viron os vosos ollos o que fixen con Exipto; e despois morastes moito tempo no deserto. [8]Logo leveivos á terra dos amorreos, que habitaban na outra banda do Xordán. Eles loitaron contra vós e eu púxenos nas vosas mans para que herdásedes a súa terra, e desbarateinos diante de vós. [9]Entón ergueuse Balac, fillo de Sipor, rei do Moab, e loitou contra Israel; e mandou chamar a Balaam, fillo de Beor, para que vos botase unha maldición; [10]pero eu non quixen dar ouvidos a Balaam, que rematou bendicíndovos, e dese xeito, salveivos da súa man. [11]Logo pasastes o Xordán e chegastes a Iericó; e loitaron contra vós os veciños de Iericó os amorreos, os pericitas, os cananeos, os hititas, os guirgaxitas, os hivitas e os iebuseos, e púxenos nas vosas mans. [12]E enviei diante de vós avésporas, que tiraron de diante os dous reis amorreos, sen intervención da vosa espada nin do voso arco; [13]e deivos unha terra que non traballastes, e cidades que non edificastes e que as habitades; viñas e oliveiras que non plantastes, en tanto que comedes delas. [14]Agora, pois, temede ao Señor, e servídeo abofé, con lealdade; arredade os deuses aos que serviron vosos pais na outra banda do río e en Exipto, e servide ao Señor. [15]E, se vos anoxa servir ao Señor, escollede hoxe a quen ides servir: se aos deuses que serviron vosos pais na outra banda do río, ou aos deuses dos amorreos, os da terra que habitades. Eu e mais a miña familia serviremos ao Señor.

[16]E respondeu o pobo: –Lonxe de nós arredármonos do Señor para servir a outros deuses, [17]pois o Señor, o noso Deus, fíxonos subir a nós e a nosos devanceiros da terra

**23**, 12 Sobre a prohibición dos matrimonios con pagáns, cf Dt **7**, 3.
**23**, 13 Os vv. 12-13 e 16 parecen reflectir que xa tivo lugar o exilio.
**24**, 1 O derradeiro c. do Libro de Xos é obra do elohista e do deuteronomista, que nos fan unha síntese da historia da salvación, posta en boca de Xosué, pouco antes de morrer (**24**, 2-18). Despois de resumir todo o que Deus fixera con eles, Xosué procura que o pobo enteiro ratifique a Alianza, erixe unha pedra como testemuña, e despide ao pobo (**24**, 26-28).
Este c. relata ademais a morte e sepultura de Xosué (**24**, 29-30), constata a fidelidade do pobo durante a vida de Xosué (**24**, 31), e recolle as tradicións dos ósos de Xosé (**24**, 32) e da morte e sepultura de Elazar (**24**, 33).
**24**, 10 O relato coincide con Núm **22**. Unha tradición distinta atopámola en Xos **13**, 22, coincidente con Núm **31**, 8.
**24**, 13 Os vv. 13-15 recollen a idea expresada en Dt **6**, 10-14.
**24**, 16 Os vv. 16-18 veñen ser unha repetición de Dt **6**, 21-24; **8**, 14 e **11**, 7.

de Exipto, da casa do asoballamento, e fixo diante de nós aqueles grandes prodixios e protexeunos ao longo de todo o camiño que percorremos, e mais por todos os poboados por onde pasamos; [18]e botou o Señor de diante de nós a todos os pobos e aos amorreos que habitaban este país. Así que tamén nós serviremos ao Señor, pois El é o noso Deus.

[19]E dixo Xosué ao pobo: –Vós non sodes quen para servirdes ao Señor, pois El é un Deus santo e dado aos celos e non aturaría as vosas rebeldías nin os vosos pecados. [20]Se vos arredades do Señor e servides a deuses alleos, tornarase contra vós ata carrexarvos o mal e esnaquizarvos despois de tanto ben como vos fixo.

[21]Respondeulle o pobo a Xosué: –Non!, pois nós serviremos ao Señor.

[22]Dixo entón Xosué ao pobo: –Vós sodes testemuñas contra vós mesmos de que escollestes servir ao Señor.

E dixeron eles: –Certo, somos testemuñas.

[23]–Daquela –dixo Xosué–, botade fóra os deuses alleos que hai entre vós, e apegade o voso corazón ao Señor Deus e escoitaremos a súa voz.

[24]Respondeu o pobo: –Serviremos o Señor, o noso Deus, e escoitaremos a súa voz.

[25]Selou así Xosué o pacto co pobo no día aquel e forneceuno de leis e costumes en Xequem. [26]E escribiu aquelas palabras no libro da Lei de Deus e colleu unha pedra grande, e erixiuna alí, debaixo da aciñeira que hai no santuario do Señor.

[27]E dixo a todo o pobo: –Velaquí esta pedra que será testemuña contra nós, pois ela escoitou todas as palabras que o Señor nos proclamou e será testemuña contra vós, para que non reneguedes do voso Deus.

[28]Deseguido, Xosué despediu o pobo e foi cadaquén para a súa herdanza.

### Morte e sepultura de Xosué

[29]Xa despois daquilo morreu Xosué, fillo de Nun, servo do Señor, aos cento dez anos de idade, [30]e sepultárono no territorio da súa herdanza, en Timnat-Sérah, que queda na serra de Efraím, na parte norte do monte Gaax. [31]Israel serviu ao Señor durante toda a vida de Xosué e a dos anciáns que lle sobreviviron e que ollaran todas as obras que o Señor fixera con Israel.

### As cinsas de Xosé

[32]E os ósos de Xosé, que trouxeran os fillos de Israel de Exipto, sepultáronos en Xequem, no agro que comprara Xacob aos fillos de Hamor, pai de Xequem, por cen pezas de prata, e foron herdanza dos fillos de Xosé.

### Morte e sepultura de Elazar

[33]Tamén morreu Elazar, fillo de Aharón, e sepultárono nun outeiro pertencente a seu fillo Pinhás, a quen se lle dera a herdanza na serra de Efraím.

**24**, 25 Renóvase a Alianza do Sinaí (cf Éx **24**, 1-11), cunha meirande participación do pobo.

**24**, 30 Xosué foi sepultado na súa herdanza (cf **19**, 50). Os LXX engaden ao texto hebreo a constatación de que os fillos de Israel enterraron con el os coitelos de pedra con que circuncidara en Guilgal aos membros do pobo (cf **5**, 1-9).

**24**, 32 Da compra dese agro testemuña Xén **33**, 19. En canto ao lugar da súa sepultura, a derradeira vontade de Xosé era que levasen os seus ósos de Exipto, cando saísen de alí (Xén **50**, 24-25). E Moisés lembrouse daquilo (Éx **13**, 19).

# INTRODUCIÓN A XUÍCES

## 1. Título do libro e lugar que ocupa no conxunto da Biblia

*Na Biblia hebrea noméase "Xofetim", que vén significar "Líderes". Fai referencia a certos personaxes elixidos por Iavé para liberar o seu pobo dos inimigos pagáns, exercendo así unha misión salvadora.*

*Na Biblia grega (versión dos LXX) noméase "Kritai" e na Vulgata latina "Iudices". Ambos vocábulos aluden á salvación que estes personaxes teñen que conseguir no nome de Deus.*

*No conxunto da Biblia, o* Libro dos Xuíces *ocupa o sétimo lugar. Dentro da Biblia hebrea é o segundo dos chamados "Profetas Anteriores", o primeiro dos cales é Xosué. Na Biblia cristiá catalógase dentro do grupo de "Libros Históricos".*

## 2. Os Xuíces no tempo en que viviron

*Os Xuíces exercen en Israel entre os tempos da conquista e os da monarquía (desde o ano 1200 a. C. ata o 1040, máis ou menos). O máis probable é que non sucedesen inmediatamente os uns aos outros. Esta é unha conclusión á que se chega partindo da existencia de períodos de paz, de tempos de prevaricación anteriores á intervención de Deus suscitando un Xuíz, e do feito de pertenceren a moi diversas tribos. Polo tanto, algúns deles é fácil que fosen coetáneos; e outros, cando ocupaban o sitio do predecesor, xa pasara moito tempo desde que morrera o Xuíz anterior.*

*Algúns deles xorden cando os arrebata o espírito do Señor. A súa misión é a de salvar o pobo daquel apuro, polo que a súa función é esporádica. A estes chámaselles "Xuíces Maiores", e sinálanse nesta categoría a Otoniel, Ehud, Déborah-Barac, Guideón, Iefté e Sansón.*

*Outros parecen ter unha carga máis estable no seu ambiente, desenvolvendo unha función semellante á de gobernadores do pobo. Chámanse "Xuíces Menores", e inclúense neste capítulo Xamgar, Tolá, Iair, Ibsán, Elón e Abdón. A descrición que fai o libro da persoa e da actividade dos mesmos é moi reducida, e concrétase en poucos versículos (**3**, 31; **10**, 1-5; **12**, 8-15).*

## 3. Época na que se escribiu a obra

*Como acontece con Xosué, tamén o libro dos Xuíces é froito dun longo proceso. Nun primeiro momento existirían as fazañas dalgúns heroes, transmitidas por tradición. Estas historias vanse poñendo por escrito nos tempos da monarquía, recollendo tanto as do Reino de Israel (Reino do Norte), como as do Reino de Xudá (Reino do Sur). Con todo, algunhas delas teñen máis antigüidade, como a "Cántiga de Déborah", que se pode datar no século XII a. C. A primeira redacción do libro faise no século VIII, pouco despois da caída do Reino do Norte. Sucesivamente fanse diversas revisións, que se estenden mesmo ata o século III a. C.*

## 4. Xénero literario da obra

*O libro é un conxunto de historias de personaxes famosos, de cara á edificación popular. Ningún deles fóra de Otoniel aparece como o home ideal, senón que se nos presentan máis ben como persoas con numerosos erros, pero que exercen unha función salvadora no pobo, pola forza do espírito de Deus, que veu sobre eles. Trátase, pois, dunha historia de liberacións, promovida polo espírito de Deus, en favor dos crentes.*

## 5. Teoloxía do libro dos Xuíces

*Tal como o temos agora, o libro tenta mostrarnos que Deus é sempre fiel á alianza, a pesar de que o home a rompa decote. Cando a xente chora e clama polo seu Deus, este manda o seu espírito sobre un dos membros do pobo para que os saque do apuro. O proceso repítese a eito: a xente abandona a Iavé e axeónllase diante doutros deuses; entón, Deus castígaos e ponos nas mans doutros pobos, que os asoballan; daquela, os israelitas comezan a laiar e a pregarlle a Iavé que acuda no seu auxilio; e entón, Deus envíalles un Xuíz, que vence os inimigos, acadando así a paz para o pobo escolleito.*

## 6. Estrutura da obra

6.1. *Primeira Introdución (**1**, 1-**2**, 10)*
6.2. *Segunda Introdución (**2**, 11-**3**, 6)*
6.3. *Libro dos Doce Xuíces (**3**, 7-**16**, 31)*
6.4. *Primeiro Apéndice (**17**, 1-**18**, 31)*
6.5. *Segundo Apéndice (**19**, 1-**21**, 25)*

## 7. O texto do libro dos Xuíces

*O texto hebreo do libro dos Xuíces tardou moito en ter unha forma fixa, e agora está estragado abondo. No que respecta ao texto grego, ofrécenos dúas versións, a miúdo diverxentes. Conseguintemente, non nos debemos sorprender ao vermos que as traducións ás linguas vernáculas sexan distintas en moitos casos. Iso débese a que unhas seguen o texto hebreo e outras unha das versións gregas; ou mesmo a que nalgúns casos se prefire -por considerala de máis garantía- recoller unha variante que ofrece un manuscrito concreto.*

# XUÍCES

## PRIMEIRA INTRODUCIÓN

**1** [1]E aconteceu que, despois da morte de Xosué, foron consultar os fillos de Israel ao Señor: –Quen de nós subirá o primeiro para a loita contra os cananeos?

[2]E o Señor respondeu: –O primeiro será Xudá. Velaquí que entreguei o país nas súas mans.

[3]E dixo Xudá a seu irmán Simeón: –Sube comigo á miña herdanza e batallaremos contra os cananeos, e irei tamén eu contigo á túa herdanza.

E Simeón foi con el. [4]E subiu Xudá, e puxo o Señor nas súas mans os cananeos e os pericitas, e abateron en Bézec a dez mil homes. [5]E atoparon a Adoni-Bézec en Bézec e loitaron contra el, e venceron aos cananeos e aos pericitas. [6]E fuxiu Adoni-Bézec e fórono perseguindo; e atrapárono e mutilárono dos polgares das súas mans e dos seus pés. [7]E dixo Adoni-Bézec: –Sete reis cos polgares das súas mans e dos seus pés cepados están debaixo da miña mesa recollendo as migallas. Conforme fixen eu, recompensoume Deus a min.

E levárono a Xerusalén e morreu alí.

[8]E loitaron os fillos de Israel contra Xerusalén e conquistárona, e pasárona polo gume da espada; e á cidade prendéronlle lume. [9]E despois baixaron os fillos de Xudá para loitaren contra os cananeos que habitaban a montaña, o Négueb e a Xefelah. [10]E foi Xudá contra os cananeos que habitaban en Hebrón –o nome de Hebrón era antes Quiriat-Arbá–, e venceu a Xexai, a Ahimán e a Talmai. [11]E desde alí foi contra os veciños de Debir –o nome de Debir era antes Quiriat-Séfer–, [12]e dixo Caleb: –A quen arremeta contra Quiriat-Séfer e a gañe, dareille por muller a miña filla Acsah.

[13]E conquistouna Otoniel, fillo de Quenaz –o seu irmán máis novo–, e deulle por esposa a súa filla Acsah. [14]E, cando conviviu con ela, instigouna a pedirlle a seu pai un campo; e baixou do asno e díxolle Caleb: –Que tes?

[15]Ela respondeulle: –Anda, faime un favor: pois me deches terra árida, dáme algunha fonte de auga.

E deulle Caleb as fontes de arriba e as fontes de abaixo.

[16]E os descendentes do sogro de Moisés, o quenita, subiron da vila das Palmeiras cos fillos de Xudá ao deserto de Xudá, que queda no Négueb de Arad; e foron e habitaron entre o pobo.

[17]E foi Xudá co seu irmán Simeón e desbarataron aos cananeos que habitaban en Sefat; e exterminaron a cidade e puxéronlle de nome Hormah. [18]E apoderouse Xudá de Gaza co seu termo; e de Axquelón, co seu termo; e de Ecrón, co seu termo. [19]E o Señor estaba con Xudá, que se apoderou da montaña (ao non poder botar os veciños do val, por teren eles carros de ferro). [20]E a Caleb déronlle Hebrón, segundo dispuxera Moisés; e botaron de alí os tres fillos de Anaq. [21]Pero aos iebuseos que habitaban en Xerusalén, os fillos de Benxamín non os puideron botar; e moraron os iebuseos en Xerusalén cos fillos de Benxamín ata o día de hoxe.

[22]E subiron os da casa de Xosé, tamén eles, contra Betel; e o Señor estaba con eles. [23]E a

**1**, 1 Xuí **1**, 1-**2**, 10, forma a "primeira introdución" do libro. Vén ser unha repetición dalgunhas pasaxes tratadas no libro de Xos, agora desde outro ángulo de vista. Os feitos aos que se refire corresponden ao tempo de Xosué, e non ao período seguinte. A continuación cronolóxica de Xos **23**, 16 (a despedida de Xosué) atoparémola en Xuí **2**, 6.

**1**, 8 O redactor deste c. non ten preocupacións históricas e cae nas mesmas simplificacións ca o do libro de Xos. O que non se verificou ata os tempos de David a conquista de Xerusalén (2 Sam **5**, 6-10; 1 Cro **11**, 4-9), pona como realizada un par de séculos antes, sen que por iso deixe de dicir que os benxaminitas cohabitaron cos iebuseos, ao non poder botalos de alí (**1**, 21), e dicindo como di o libro de Xos, que Xudá cohabitou cos iebuseos en Xerusalén (Xos **15**, 63).

**1**, 9 *O Négueb* é unha parte, case desértica, que se atopa ao S da Palestina. A *Xefelah* é a parte comprendida entre a montaña e a costa mediterránea. É unha zona verde, con mesetas e vales.

**1**, 10 Cf Núm **13**, 22-25; Xos **10**, 36-37. 39; **11**, 21; **14**, 13-15; **15**, 13-**14**, 54; **21**, 12 s; Xuí **1**, 20.

**1**, 11 *Debir* queda 15 km ao S de Hebrón.

**1**, 13 *Otoniel* significa "León de Deus". Era sobriño de Caleb (cf Xos **14**, 7-10).

**1**, 15 Cf Xos **15**, 13-19.

**1**, 16 *A vila das Palmeiras* é unha expresión que serve para designar a Iericó. Non obstante, aquí trátase dunha vila ao S do mar Morto, e probablemente na terra de Madián. Arad queda uns 30 km ao S de Hebrón e 30 ao NL de Beerxeba. A parte do "deserto de Xudá" que queda ao S de Arad é o "deserto do Négueb".

**1**, 17 *Hormah* toma o seu nome do "entredito" ("hérem") ao que someteron Xudá e Simeón a Zeftah (cf Núm **21**, 1-2). A vila adoita ser identificada cun "tell" que queda uns 13 km ao L de Beerxeba.

**1**, 18 O texto grego di todo o contrario do hebreo. Quizais sexa un intento de harmonización, pois o v. 19b, Xos **13**, 3 e Xuí **3**, 3, pedirían o sentido recollido no texto grego.

**1**, 22 *A casa de Xosé* abrangue as tribos de Menaxés e Efraím (fillos de Xosé). Betel, situada 17 km ao N de Xerusalén, aparece tamén como unha das vilas de Benxamín (Xos **18**, 22), e ocupada por Efraím (Xos **16**, 1-2). Betel foi santuario patriarcal (Xén **35**, 1-15), e alí irán nos tempos dos xuíces consultar a Deus (Xuí **20**, 18. 26; **21**, 2).

casa de Xosé fixo axexar Betel –o nome da vila era antes Luz–; [24]e viron os vixías que saía da cidade un home e dixéronlle: –Móstranos, por favor, a entrada da vila e teremos piedade de ti.

[25]E mostroulles a entrada da vila, e pasárona polo gume da espada; pero a aquel home e a toda a súa familia deixáronos ir. [26]E foi o home ao país dos hititas, e levantou unha vila e chamouna Luz; e foi Luz o seu nome ata o día de hoxe.

[27]E non botou Menaxés os de Bet-Xeán e as súas vilas, nin os de Tanac e as súas vilas, nin os veciños de Dor e as súas vilas, nin os veciños de Ibleam e as súas vilas, nin os veciños de Meguido e as súas vilas; e os cananeos continuaron morando naquela terra. [28]Mais cando se fortaleceu Israel, púxolles un tributo aos cananeos; pero o que é botar, non os botaron.

[29]Tampouco Efraím botou os cananeos que habitaban en Guézer; e viviron os cananeos en Guézer no medio deles. [30]Nin tampouco Zebulón botou os veciños de Quitrón, nin os veciños de Nahalol, e moraron os cananeos entre eles, aínda que pagándolles tributo. [31]Axer non botou os veciños de Acco, nin os veciños de Sidón; nin os de Ahlab, nin os de Aczib, nin os de Helbah, nin os de Afec, nin os de Rehob. [32]E moraron os axeritas entre os cananeos que habitaban o país, pois non os botaron.

[33]Naftalí tampouco botou os veciños de Bet-Xémex, nin os de Bet-Anat; e morou no medio dos cananeos que habitaban o país, aínda que os veciños de Bet-Xémex e os de Bet-Anat lle tiveron que pagar tributo.

[34]E os amorreos botaron aos fillos de Dan cara á montaña e non lles permitiron baixar ao val. [35]E continuaron morando os amorreos na montaña de Heres, en Aialón e en Xaalbim; pero a casa de Xosé cargou a man sobre eles e tivéronlle que pagar tributo. [36]O lindeiro dos amorreos ía desde a subida de Acrabim –desde a rocha–, para arriba.

### Queixas de Deus pola infidelidade do pobo

**2** [1]E subiu o anxo do Señor desde Guilgal ata Boquim e dixo: –Saqueivos de Exipto e fíxenvos entrar na terra que prometera a vosos pais; e dixen: "Endexamais romperei a alianza que fixen convosco. [2]En canto a vós, non fagades alianza cos veciños deste país; habedes de derrubar os seus altares". Pero vós non escoitastes a miña voz. Por que procedestes así? [3]Por iso tamén eu dixen: "Non os botarei de diante de vós; e serán para vós coma a tralla no voso lombo; e os seus deuses serán para vós un lazo".

[4]E, cando o anxo do Señor pronunciou aquelas palabras a todos os fillos de Israel, o pobo rompeu a laiar e a chorar. [5]e puxéronlle de nome a aquel lugar, Boquim; e ofreceron alí sacrificios ao Señor. [6]E, cando Xosué despediu ao pobo, foron os fillos de Israel cada un para o seu territorio, para herdar o país. [7]E serviu o pobo ao Señor durante toda a vida de Xosué e dos vellos que prolongaron os seus días despois de Xosué, e que viran todas as obras grandes que o Señor fixera en favor de Israel.

### Morte e sepultura de Xosué

[8]E morreu Xosué, fillo de Nun, servo do Señor, aos cento dez anos. [9]E sepultárono dentro dos lindes da súa herdanza, en Timnat-Heres, na serra de Efraím, ao norte do monte Gaax. [10]E toda a xeración aquela foise xuntar con seus pais; e veu despois deles outra xeración que non coñecía ao Señor nin o que tal fixera en favor de Israel.

**1**, 27 Sobre a localización destas vilas, cf Xos **17**, 11, nota.

**1**, 31 Estes territorios quedan na parte norte do Monte Carmelo e no actual Líbano.

**1**, 36 Despois de sinalar a presenza dos amorreos na parte norte do territorio, indícase que tamén os había no sur (Acrabim era o límite meridional, segundo Núm **34**, 4): había amorreos por todo o país.

**2**, 5 Con este v. remátase a "primeira introdución" do libro. Os vv. 1-5 son obra do redactor deuteronomista, que trata de suavizar a entrada do v. 6 que seguía a Xos **23**, 16, resumindo o relatado no c. **23** sobre o sucesor de Moisés.

Os últimos vocábulos dos vv. 1 e 4 ("Boquim" e mais o traducido por "botouse a chorar"), están formados nos dous vv. coa mesma raíz: o verbo "bakah", que significa "chorar". Ao descubrirlles a palabra de Iavé os futuros erros do pobo, este rompe nun choro tal, que a aquel sitio se lle pon de nome "os que choran".

**2**, 6 Comeza agora a "segunda introdución", que é tamén obra do redactor deuteronomista. Os vv. 6-9 non fan máis que repetir o texto de Xos **24**, 28-31. O autor quere expoñer a súa concepción teolóxica e non lle importa repetir ou ser pouco consecuente coa cronoloxía, facendo aparecer de novo a Xosué. O que estaba xa no texto sagrado prefire non tocalo.

**2**, 9 *Timmat-Heres* é o mesmo que Timná-Sérah (cf Xos **19**, 50; **24**, 30).

# SEGUNDA INTRODUCIÓN

**O pobo e o seu Deus**

[11]E cometeron o mal os fillos de Israel diante do Señor e serviron aos baais. [12]E abandonaron ao Señor, o Deus de seus pais, que os sacara da terra de Exipto, e foron detrás dos deuses alleos, dos deuses de pobos que estaban arredor deles, e prostráronse diante deles e alporizaron ao Señor. [13]Abandonaron ao Señor e serviron a Baal e ás axtartés. [14]E alzouse a ira do Señor contra Israel e púxoos nas mans de saqueadores, que os abateron; e entregounos nas mans dos inimigos do arredor e xa non se puideron rexer diante dos seus adversarios. [15]En todo aquilo que acometían, a man do Señor estaba con eles para mal, como o Señor lles tiña dito e xurado, de modo que os aflixiu abondo.

[16]Máis adiante fixo o Señor xurdir xuíces, e salvounos das mans dos seus saqueadores. [17]Pero tampouco non escoitaron aos seus xuíces, pois corrompéronse detrás de deuses alleos e abaixáronse diante deles; arredáronse axiña do camiño que percorreran seus pais, que escoitaran os mandatos do Señor: eles, en troques, non fixeron así. [18]E cando o Señor fixo xurdir xuíces para eles, o Señor estaba co xuíz, e salvábaos das mans dos seus inimigos durante todos os días de vida do xuíz, pois conmovérase o Señor polos choros deles, ao seren oprimidos e desprezados. [19]Pero, á morte do xuíz, volvían ás andadas e corrompíanse aínda máis ca seus pais, indo tras dos deuses alleos, para servilos e abaixarse diante deles; non deron de man ás súas obras ruíns nin aos seus teimudos camiños.

[20]E alporizouse a ira de Iavé contra Israel, e dixo o Señor: –Xa que o pobo este crebou a alianza que mandei a seus pais, e non escoitou a miña voz, [21]tampouco eu vou botar de diante deles a ningunha das nacións xentís que deixou Xosué cando morreu; [22]para probar por medio delas a Israel: se van seguir polo camiño do Señor –para iren por el como foron seus pais–, ou non.

[23]E deixou o Señor aquelas nacións xentís, en vez de botalas axiña; e non as puxo nas mans de Xosué.

**3** [1]E foron estas as nacións xentís que deixou o Señor para probar por medio delas a Israel –a cantos non coñeceran todas as guerras de Canaán– [2](soamente para aprendizaxe das xeracións dos fillos de Israel, para ensinarlles a facer a guerra, polo menos aos que non a coñecían antes): [3]cinco príncipes dos filisteos e todos os cananeos, os sidonios e mais os hititas (que habitaban na montaña do Líbano, desde o monte Baal-Hermón ata Lebo-Hamat). [4]E foron para probar por eles a Israel, por ver se escoitaban os mandatos que o Señor mandara a seus pais por medio de Moisés. [5]E os fillos de Israel habitaron entre os cananeos, os hititas, os amorreos, os pericitas, os hivitas e mais os iebuseos. [6]E colleron por esposas ás fillas deles e déronlles as súas fillas aos fillos deles, e serviron aos seus deuses.

**2**, 11 Xuí **2**, 11-19 vén ser o cumprimento do anunciado noutras tantas pasaxes deuteronómicas (cf Dt **4**, 25-31; **28**, 15-68; **31**, 16-21. 29).

Os baais eran os deuses dos cananeos e fenicios. Honrábanos porque esperaban deles a fertilidade dos campos. Paralelamente, había as deusas nomeadas axtartés (cf **2**, 13), deusas do amor e da fecundidade.

**2**, 19 O redactor parece que está facendo unha síntese do que pasara no tempo dos xuíces, insistindo na acción de Deus, que escoitaba os choros de seu pobo e que os salvaba de situacións angustiosas, aínda que a xente non aprendía e volvía ás andadas.

**2**, 23 O relato vai adiante e atrás. Unha das tradicións insiste no bo comportamento nos tempos de Xosué comparado co da xente que lle seguiu. Outra tradición ve na infidelidade do pobo a causa de ter que convivir cos antigos veciños daqueles lugares. Así, fórmase un relato composto, cronoloxicamente non fiable, pero que tenta indicarlle á xente que Deus orienta a historia en favor dos crentes, e que estes deben seguir os camiños do Señor.

**3**, 2 Ao longo do texto, e como froito da reflexión do pobo sobre o asoballamento de Israel polos seus veciños, van xurdindo diversas razóns da presenza deses grupos: como castigo para que a xente se corrixa, como proba á que os somete Deus, ou como ocasión para aprenderen a batallar os que non tiñan aínda esa experiencia.

**3**, 3 *O Hermón* é o monte máis alto do Antilíbano. Está no extremo NL da Palestina. Lebo-Hamat, significa "a entrada de Hamat", e está entre o Hermón e o Líbano, á metade de camiño entre Alepo e Damasco.

**3**, 6 Os matrimonios con xente doutra relixión están mal vistos na Biblia, pola experiencia do home que respectaba as crenzas da súa dona e despois remataba indo tamén el detrás dos deuses dela (cf 1 Re **11**, 1-8).

# O LIBRO DOS DOCE XUÍCES

**Mágoas para Israel e primeiro Xuíz (Otoniel)**

7E os fillos de Israel fixeron o mal diante
do Señor e esqueceron a Iavé, o seu Deus, e
serviron aos baais e ás axtartés. 8E alporizou-
se a ira de Iavé contra Israel, e entregounos
nas mans de Cuxán-Rixataim, rei de Aram-
Naharaim, e serviron os fillos de Israel a
Cuxán-Rixataim durante oito anos.
9E clamaron os fillos de Israel ao Señor e
o Señor fixo xurdir un liberador para os fillos
de Israel, que os salvase: Otoniel, o fillo de
Quenaz (o irmán máis novo de Caleb). 10E
entrou nel o Espírito do Señor, e xulgou a
Israel e saíu á loita, e puxo o Señor nas súas
mans a Cuxán-Rixataim, rei de Aram, de xei-
to que prevaleceu el sobre Cuxán-Rixataim,
11e o país quedou tranquilo durante corenta
anos. E morreu Otoniel, fillo de Quenaz.
12E volveron os fillos de Israel facer o mal
diante do Señor, e fortaleceu Iavé a Eglón,
rei de Moab, contra Israel, porque fixeron o
mal diante do Señor. 13E axuntáronselle os fi-
llos de Amón e de Amalec, e foi el e venceu
a Israel e apoderouse da vila das Palmeiras,
14e os fillos de Israel serviron a Eglón, rei de
Moab, durante dezaoito anos.
15E clamaron os fillos de Israel ao Señor,
e o Señor suscitoulles un salvador: Ehud, fi-
llo de Guerá, benxaminita, home zurdo, e os
fillos de Israel mandaron por el un agasallo
a Eglón, rei de Moab. 16E fíxose Ehud cunha
faca de dobre gume, dun palmo de longa, e
cinguiuna por debaixo do seu vestido, so-
bre o lado dereito. 17E levoulle o agasallo a
Eglón, rei de Moab (e Eglón era un home moi
groso). 18E, cando xa rematara de entregarlle
o obsequio, deixou ir á xente que llo levara,
19e el volveuse desde as estelas de pedra que
están a carón de Guilgal e exclamou: –Teño
un segredo para ti, oh rei.
E el dixo: –Cala!
E saíron de alí todos os que estaban con
el. 20E Ehud achegouse a el, que repousaba
na súa sala privada de acougo, a de arriba,
e dixo Ehud: –Chegoume unha palabra de
Deus para ti.
Daquela o rei ergueuse do asento. 21E alon-
gou Ehud a súa zurda, e colleu a faca de sobre
o lado dereito e chantoulla no ventre; 22e en-
trou tamén a empuñadura detrás da folla e a
graxa entupiu o sitio detrás da folla, e xa non
sacou do ventre a faca, que lle saíu por detrás.
23E saíu Ehud ao corredor, e xuntou as portas
da sala de arriba e pechou. 24Cando xa el esta-
ba fóra, chegaron os servos do rei, e viron que
as portas da sala de arriba estaban pechadas e
dixeron: –Quizais estea facendo as súas nece-
sidades no cuarto de baño da sala de acougo.
25E fartáronse de esperar sen que el abrise
as portas da sala de arriba. Ao cabo colleron
a chave e abriron; velaquí que o seu señor
estaba tirado no chan, morto. 26E liscou Ehud,
namentres eles agardaban, e pasou as estelas
de pedra e fuxiu ata Seirah. 27E cando che-
gou, tocou a trompeta na serra de Efraím, e
baixaron canda el da montaña os fillos de Is-
rael e el ía diante deles. 28E díxolles: –Seguí-
deme, pois o Señor puxo os vosos inimigos
–os moabitas– nas vosas mans.
E baixaron detrás del e tomaron os baixíos
do Xordán que están no camiño de Moab e
non deixaron pasar a ninguén. 29E abateron a
Moab naquel entón –a dez mil homes forzu-
dos e valentes–, e non liscou ningún. 30No día
aquel Moab quedou sometido a Israel, pola
man de Israel, e o país viviu tranquilo duran-
te oitenta anos.
31E despois del foi Xamgar, o fillo de Anat,
e abateu os filisteos –seiscentos homes–, cunha
queixada dun boi, salvando tamén el a Israel.

**3**, 8 *Cuxán Rixatáim* significa "Cuxán o dúas veces ruín". *Aram-Naharáim* designa á "Siria de entre dous ríos"= a Mesopotamia.
**3**, 10 É o espírito de Iavé o que dá forza e ilusión a estes homes, para que restablezan a paz, vencendo aos inimigos.
**3**, 12 Cf 1 Sam **12**, 9.
**3**, 13 Neste caso trátase de Iericó. En troques, en **1**, 16 (ver nota), non.
**3**, 16 *Palmo*: o texto hebreo di "gomed".
**3**, 19 *Estelas de pedra*: no hebreo "pesilim". Desas estelas fálase tamén en Xos **4**, 19-20.
**3**, 24 O texto usa o eufemismo "cubrindo os seus pés" (que indicaría o remate da defecación).
**3**, 30 *Oitenta anos* é un número redondo, que equivale a "moito tempo". Este sentido teno xa o número corenta, con ser a metade.
**3**, 31 Este v. fala de Xamgar, cando aínda en **4**, 1 se volve falar de Ehud, sen outro xuíz antes de Déborah-Barac. Polo tanto, parece estar fóra de sitio. De feito, Xuí **3**, 30 enlaza ben con **4**, 1. Algúns manuscritos gregos colócano despois de **16**, 31. Vese que quen foi engadindo os xuíces menores os colocou onde puido. Non tendo pretensións cronolóxicas, valíalle este sitio: el, o que quería, era completar o número de doce xuíces.
Os inimigos que aparecen agora son os "filisteos", un dos "pobos do mar", que foxen da zona do Exeo no s. XIII e se establecen nas costas de Israel. Contra eles haberá de loitar Israel aínda no tempo da monarquía (cf 1 Sam **17**, 1 ss; **31**, 1 ss; 2 Sam **5**, 17-25).

**Déborah, Barac e Sísera**

**4** [1]En morrendo Ehud, volveron os fillos de Israel facer o mal diante do Señor [2]e o Señor entregounos nas mans de Iabín, rei de Canaán, que reinou en Hasor, e que tiña de capitán do seu exército a Sísera, que vivía en Haróxet dos Xentís.

[3]E suplicaron os fillos de Israel ao Señor, pois aquel tiña novecentos carros de ferro, e el xa oprimira fortemente aos fillos de Israel durante vinte anos. [4]Había unha muller profetisa –Déborah–, muller de Lapidot; e ela xulgaba a Israel naquel entón. [5]Vivía debaixo da palmeira de Déborah, entre Ramah e Betel, na serra de Efraím. E ían onda ela os fillos de Israel para consultala. [6]E mandou ela chamar a Barac, fillo de Abinoam, de Quédex de Naftalí, e díxolle: –E logo non mandou o Señor, Deus de Israel: "Vai e mora no monte Tabor e colle contigo dez mil homes de entre os fillos de Naftalí e de Zebulón, [7]e eu empurrarei onda ti, xunto ao torrente Quixón, a Sísera –o capitán do exército de Iabín–, e mais aos seus carros e á tropa e poreino nas túas mans"?

[8]E respondeulle Barac: –Se vés ti comigo, vou; pero se non vés comigo, non vou.

[9]E dixo ela: –De certo, que irei contigo; soamente que o recoñecemento no camiño que emprendas non será para ti, pois nas mans dunha muller porá o Señor a Sísera.

E ergueuse Déborah e foi con Barac a Quédex. [10]E convocou Barac a Zebulón e a Naftalí en Quédex e subiu con dez mil homes consigo; e tamén foi con el Déborah. [11]Mais Héber, o quenita, arredárase dos outros quenitas –dos fillos de Hobab, o sogro de Moisés–, e foi montar a súa tenda alá onda a aciñeira de Saanaim, onda Quédex. [12]E notificóuselle a Sísera que Barac, o fillo de Abinoam, subira ao monte Tabor. [13]E xuntou Sísera todos os carros –novecentos carros de ferro–, e a todo o pobo que tiña, desde Haróxet dos Xentís ata o torrente Quixón.

[14]E dixo Déborah a Barac: –Érguete, pois é este o día no que puxo o Señor a Sísera nas túas mans. E logo non vai o Señor diante de ti?

E baixou Barac do monte Tabor cos dez mil homes que o seguían. [15]E o Señor esnaquizou a Sísera con todos os seus carros e mais o exército polo gume da espada diante de Barac. E Sísera baixou do seu carro e fuxiu a pé. [16]E Barac aburou os carros e o exército ata Haróxet dos Xentís e caeu todo o exército de Sísera polo gume da espada: non quedou sequera un. [17]E Sísera fuxiu a pé á tenda de Iael, a muller de Héber, o quenita, pois había paz entre Iabín –o rei de Hasor– e a casa de Héber, o quenita.

[18]E saíu Iael ao encontro de Sísera, e díxolle: –Ven, meu señor, ven a carón de min, non teñas medo.

E foi onda ela, á súa tenda, e ela tapouno cun cobertor. [19]E díxolle el: –Fai favor, dáme de beber un pouco de auga, pois teño sede.

Ela destapou a ola do leite, deulle de beber e volveuno tapar. [20]E díxolle el: –Ponte á entrada da tenda, e, se chega un e che pregunta se hai alguén aquí, ti respóndeslle: "Non".

[21]Daquela, Iael –a muller de Héber– colleu un fungueiro da tenda, botou man dun martelo, achegouse onda el ás caladiñas, e chantoulle o fungueiro nas tempas e foise espetar no chan (e el, que xa non se tiña, morreu). [22]E velaquí que Barac ía perseguindo a Sísera e saíu Iael ao seu encontro e díxolle: –Ven, que che mostro o home que buscas.

E el entrou onda ela, e velaquí que Sísera xacía morto co fungueiro nas tempas. [23]E dese xeito abateu Deus no día aquel a Ia-

**4**, 2 *Iabín*, o rei de Hasor, morrera xa a mans de Xosué (Xos **11**, 10). Non obstante faise agora mención del, pois é a personificación dos inimigos cananeos. É este un xeito de falar moi común no mundo da Biblia, onde se cita abondas veces a Israel ou a Xacob, cando o patriarca levaba xa moito tempo morto (Is **43**, 22; **44**, 1; **49**, 5...). De feito, o que conta de verdade é Sísera, e da morte deste é da que se fala en termos de liberación para Israel.

**4**, 4 O problema está agora na "Galilea dos Xentís", onda as tribos de Zebulón e Naftalí. De todos xeitos, entra en lide unha profetisa que exerce en Efraím.

**4**, 11 Este v. prepara o encontro de Sísera con Iael, a muller de Héber. O v. pertence ao autor iavista, que considera a Hobab sogro de Moisés, namentres que o elohista o nomea por Ietró (Éx **3**, 1). Algúns, procurando a harmonización dos textos, traducen "cuñado de Moisés".

**4**, 13 *O torrente Quixón* vai dar ao Mediterráneo, ao pé do monte Carmelo.

**4**, 15 O relato ten certa semellanza coa vitoria contra Exipto, no mar Vermello (Éx **14**). Dáse ademais o caso de que, como alí, segue á vitoria unha cántiga de loanza a Deus (Éx **15** e Xuí **5**). Nos dous relatos o inimigo tiña carros de combate, que resultaron inútiles ante a forza de Iavé (Éx **14**, 25; Xuí **4**, 15). E, se no mar Vermello non puido liscar ningún dos inimigos e nesta batalla si (escapou Sísera, a pesar do que di **4**, 16), isto acontece para lle dar máis importancia á morte do capitán dos exércitos.

**4**, 22 O anuncio de Déborah cumpriuse. Así a vitoria foi redonda. Endexamais pensaría Sísera que a súa morte ía ser tan humillante (cf **9**, 53-54).

**4**, 23 Daquela, os de Israel prevaleceron sobre os de Canaán, ata que os borraron do medio. Séguese falando de Iabín, pero vese cada vez máis claro que se refire ao pobo de Canaán. De feito, para dicir que remataron con Canaán, di literalmente o texto hebreo: "ata que cortaron a Iabín, rei de Canaán". Cf tamén **4**, 15, onde se di que foi esnaquizado Sísera, cando o esnaquizado era o seu exército.

bín, rei de Canaán, diante dos fillos de Israel.
[24]E a man dos fillos de Israel fíxose cada
vez máis pesada contra Iabín, rei de Ca-
naán, ata que esnaquizaron a Iabín, rei de
Canaán.

### A cántiga de Déborah

**5** [1]Aquel día púxose a cantar Déborah, á par
que Barac o fillo de Abinoam, deste xeito:

[2]Ao colleren as redes os líderes en Israel,
cando o pobo se ofrece voluntario,
loade o Señor!
[3]Escoitade, reis; poñede oídos, príncipes.
Para o Señor eu cantarei;
eu tanxerei para o Señor, Deus de Israel.
[4]Señor: cando saíches de Seir,
no teu avanzar desde o campo de Edom,
a terra tremeu;
tamén os ceos zumegaron;
mesmo as nubes deitaron auga;
[5]os montes derretéronse
diante do Señor: este Sinaí,
diante do Señor, Deus de Israel.
[6]Nos días de Xamgar, o fillo de Anat;
nos días de Iael,
desapareceran as vereas,
e os camiñantes
tiñan que andar polas corredoiras.
[7]Acabaron os líderes:
non volveu habelos en Israel,
ata que se ergueu Déborah:
xurdiu unha nai en Israel.
[8]Elixíanse deuses novos:
daquela, tiñan a guerra ás portas,
e non se vía escudo nin lanza
entre corenta mil en Israel.
[9]O meu corazón
para os capitáns de Israel;
cando o pobo se ofrece voluntario,
loade o Señor!
[10]Os que cabalgades
sobre burros brancos,
os que vos sentades encima dos tapices,
e mais os que ides de camiño,
matinade.
[11]Onde daban berros os capataces
entre os augadoiros,
alí cantarán as vitorias do Señor,
as vitorias na súa terra ceibe,
en Israel.
Daquela o pobo do Señor
baixou cara ás portas.
[12]Esperta, esperta, Déborah;
esperta, esperta, entoa unha cántiga!
Érguete, Barac!,
leva os teus presos,
fillo de Abinoam!
[13]Entón baixou o sobrevivente,
coma os adaís;
o pobo do Señor baixou,
o mesmo ca os guerreiros.
[14]Chegan os de Efraím,
que arraiga en Amalec.
Detrás del, Benxamín
coas súas tropas;
de Maquir baixaron os capitáns;
e de Zebulón, os que levan
o bastón de mando.
[15]Os príncipes de Isacar
están con Déborah:
tanto Isacar como Barac,
foron ao val, tras as súas pisadas.
Nos clans de Rubén
houbo grandes perplexidades
no corazón.
[16]Por que ficas entre os covos,
para escoitar os asubíos
dos pastores?
Nos clans de Rubén
houbo grandes perplexidades
no corazón.

**5**, 1 Cántiga de vitoria e de acción de grazas a Deus, pola súa intervención en favor do pobo escolleito. A súa linguaxe arcaica fai ver nese himno unha das pezas máis antigas da Biblia.
**5**, 4 Se Deus se fai presente, o home pensa na repercusión, na natureza: lampos, tronos e vento forte (cf Ex **19**, 18), aínda que o Señor se mostra ás veces noutras condicións máis familiares (1 Re **19**, 11-13a).
**5**, 10 Cabalgar sobre burros brancos é propio da xente nobre (cf **10**, 4; **12**, 14; Zac **9**, 9; Xn **12**, 14-15), namentres que o andar a pé faino a xente máis pobre. "Sentarse encima dos tapices", indica o exercicio do poder xudicial. O caso é que uns e outros teñen que se poñer en marcha, loitar con Israel e celebrar as grandezas do Señor, que acode en axuda do seu pobo.
**5**, 11 Este v. tradúcese de moitos xeitos, pois hai abondas diferenzas entre os manuscritos. En xeral toda a "cántiga de Déborah" reviste unha especial dificultade na fixación do texto orixinal e mesmo no tocante á tradución.
O baixar ás portas equivale a "saír á loita" (cf vv. 13 ss). Noutros casos, significa "ir a consello", acudir ao lugar da xuntanza.
**5**, 12 O autor xoga coas palabras. Ademais das que aparecen repetidas no texto, a expresión traducida por "entoa unha cántiga" ten unha primeira parte construída coas mesmas consoantes que "Déborah", mentres que a outra, rima co vocábulo traducido por "esperta": "urí, urí, Deborah;/ urí, urí, dabberí xir".

17 Galaad habitou para alá do Xordán;
e Dan, por que viviu nos barcos?;
Axer morou na beira do mar,
estableceuse nos seus portos.
18 E Zebulón desafiou a morte,
e tamén Naftalí
nos outeiros do campo.
19 Chegaron reis e guerrearon;
batallaron entón os reis de Canaán,
en Zanac –onda as augas
de Meguido–,
sen que pillasen espolios de prata.
20 Desde os ceos loitaron elas:
as estrelas, sen saíren do seu curso,
loitaron contra Sísera.
21 O torrente Quixón arrebatounos:
o torrente vello, o torrente Quixón.
Camiña con forza, miña alma!
22 Entón resoaron
os cascos dos cabalos, a galope,
a galope dos seus poldros.
23 Maldicide a Meroz!,
dixo o anxo do Señor;
maldicide rexamente os seus veciños,
por non viren auxiliar o Señor,
a axudar o Señor cos seus guerreiros!
24 Bendita sexa entre as mulleres Iael!
–a muller de Héber, o quenita–,
bendita entre as mulleres das tendas!
25 El pediu auga, e ela deulle leite;
en copa de honra, ofreceulle requeixo.
26 A súa man ao fungueiro alongou,
e a súa dereita ao martelo dos obreiros.
Petoulle a Sísera e fendeulle o cranio;
mallou nel e perforoulle as tempas.
27 Inclinouse aos pés dela e caeu deitado;
aos seus pés abaixouse e caeu;
onde se abaixou, alí caeu derreado.
28 Pola fiestra ollaba e laiaba
a nai de Sísera, polo cancelo.
Por que o seu carro
demora tanto en chegar?;
por que van tan amodo
as rodas dos seus carros?
29 A máis sabia das súas damas,
respóndelle: Certo!,
e repítelle as mesmas palabras.
30 Non será que pillaron
e repartiron os espolios?
Unha ou dúas mozas para cada home!;
espolios de tecidos de cores para Sísera;
a presa de teas variadas;
un ou dous panos de cores,
para o pescozo das prisioneiras.
31 Así morran os teus inimigos, Iavé;
e sexan os que te aman
coma o sol cando se ergue,
cheo de esplendor!
E descansou o país durante corenta anos.

### Opresión de Madián e vocación de Guideón

**6** 1 Fixeron o mal os fillos de Israel diante de Iavé, e púxoos o Señor nas mans de Madián durante sete anos; 2 caeu con forza a man de Madián sobre Israel; e, por mor dos madianitas, os fillos de Israel tiveron que aproveitar as fendas que hai nas montañas, as covas e refuxios. 3 E acontecía que, cando Israel sementaba, subían os madianitas; e os amalecitas e os orientais subían tamén contra el. 4 Acampaban onda eles e estragaban o froito da terra, ata a entrada de Gaza, e non deixaban vituallas en Israel: nin ovellas, nin bois, nin burros 5 (pois subían eles co seu gando e mais as súas tendas e caían coma nube de lagostas, xa que, tanto eles coma os seus camelos, eran innumerables; e viñan ao país para esgotalo).

6 Empobreceu dabondo Israel por culpa dos madianitas e os fillos de Israel clamaron polo Señor. 7 E, cando os fillos de Israel berraron a Iavé por mor dos madianitas, 8 enviou o Señor un profeta aos fillos de Israel, que lles falou así: –Isto di o Señor, Deus de Israel: "Eu fíxenvos subir de Exipto, saqueivos da casa da escravitude, 9 e salveivos das mans de Exipto e das mans de todos os que vos oprimían, e chimpeinos de diante de vós, e entregueivos o seu país. 10 E díxenvos: Eu son o Señor, o voso Deus; non veneredes os deuses dos amorreos (os da terra onde morades). Pero non escoitastes a miña voz".

**5**, 23 *Meroz* é unha vila situada ao S de Quédex de Naftalí, cerca de Hasor.
**5**, 28 Os vv. 28-30 escenifican a espera da nai de Sísera, inqueda pola tardanza do seu fillo. Como Sísera e mais súa nai e os outros cananeos eran inimigos de Israel e inimigos do Deus vivo, o autor goza describindo o resultado da loita: desta vez, lonxe de repartir espolios, xa deixou de facer mal.
**5**, 31 O remate da cántiga, coma o comezo, é unha loanza a Deus. Ao mesmo tempo deséxase a paz para todos os que aman ao Señor.
**6**, 1 *Madián* é un pobo que descende de Abraham e Quetura. Estendeuse polo leste do Golfo de Aqaba.
**6**, 3s *Orientais* eran Moab e Amón. O primeiro destes pobos habitaba ao L do mar Morto. Amón estaba situado ao N de Moab. A súa capital (Rabat-Amón) é hoxe a capital de Xordania (Ammán).
**6**, 7 Os vv. 7-10 son dun redactor. O v. 6 continuaba no 11.

[11]E chegou un anxo do Señor e sentou debaixo da aciñeira que hai en Ofrah, que é de Ioax o de Abiezer; e Guideón o seu fillo, estaba batendo o gran de trigo no lagar, ás escondidas dos madianitas. [12]E viuno o anxo do Señor, e díxolle: –Que o Señor estea contigo, home valente!

[13]E replicoulle Guideón: –Escoita, meu señor: Se Iavé está connosco, por que nos atopamos con todo isto?; e onde van todos os seus milagres que nos contaron nosos pais, dicindo: "Logo non nos fixo subir Iavé de Exipto"?; e agora o Señor rexeitounos e púxonos nas mans dos madianitas.

[14]Entón volveuse a el Iavé e dixo: –Vai con esa forza que tes e salva a Israel das mans dos madianitas. E logo non te mando eu?

[15]E replicoulle: –Perdón, meu Señor, de que xeito vou eu salvar a Israel? Velaquí que o meu clan é o máis pobre de Menaxés e eu son o máis novo da casa de meu pai.

[16]E díxolle Iavé: –Xa que eu estarei contigo, baterás nos madianitas como se dun só home se tratase.

[17]E engadiu Guideón: –Por favor, se atopei benquerenza aos teus ollos, fai para min un sinal de que es ti quen está falando comigo. [18]Rógoche que non te retires de aquí, ata que eu chegue onda ti e che traia o meu agasallo e cho presente diante.

E dixo Deus: –Descoida, que eu permanecerei ata o teu regreso.

[19]E Guideón foi para dentro e arranxou un cabrito; e cun *efah* de fariña fixo bolos de pan ácimo; e puxo a carne nun cesto e o prebe nunha ola, e sacoullo todo para debaixo da aciñeira e ofreceullo. [20]E díxolle o anxo de Deus: –Colle a carne e mais os bolos e póusaos nesa pedra; e o prebe, tírao.

E fíxoo así. [21]Entón, o anxo de Iavé alongou o bico do bastón que tiña na súa man e tocou a carne e os bolos; e da pedra xurdiu lume que consumiu a carne e mais os bolos; e o anxo de Iavé desapareceu da súa vista.

[22]Daquela viu Guideón que era o anxo do Señor, e dixo: –Ai, meu Señor Iavé, que vin o anxo de Iavé cara a cara!

[23]E respondeulle o Señor: –Paz para ti. Non teñas medo, non vas morrer.

[24]E construíu alí Guideón un altar para o Señor, e chamoulle Iavé Paz, ata o día de hoxe. Está en Ofrah de Abiezer.

[25]E aconteceu que aquela noite lle dixo o Señor: –Colle o xovenco de touro que ten teu pai e mais o outro xovenco –o de sete anos–, e bota por terra o altar de Baal de teu pai e corta o cipo que está a carón del, [26]e edifica un altar ao Señor, o teu Deus, no cume deste penedo de acordo co establecido; e colle o segundo xovenco e ofrece un holocausto coa leña do cipo que chimpaches por terra.

[27]E colleu Guideón dez homes de entre os seus servos e fixo como lle falara o Señor, pero, como tiña medo a facelo de día –por mor da casa de seu pai e dos homes da vila–, fíxoo pola noite. [28]Ao se ergueren pola mañá os homes da vila, viron o altar de Baal tirado por terra; e o cipo que estaba a carón del derrubado; e o segundo xovenco ofrecido sobre o altar que construíran.

[29]E dixéronse uns a outros: –Quen argallou isto?

Preguntaron, buscaron e resolveron: –Esta argallada fíxoa Guideón, o fillo de Ioax.

[30]E dixeron os homes da vila a Ioax: –Trae para acó a teu fillo e que morra, pois botou por terra o altar de Baal e derrubou o cipo que estaba a carón del.

[31]E respondeu Ioax a todos os que estaban contra el: –Logo vós defendedes a Baal? Seica queredes salvalo? O que o defenda, morrerá antes da mañá. Se é deus, que se defenda el, pois foi o seu altar o que se chimpou por terra.

[32]E aquel día púxolle de nome Ierubaal, dicindo: –Deféndase contra el, pois chimpoulle por terra o seu altar.

[33]E todos os madianitas e amalecitas, e mais os orientais, congregáronse, e pasaron para esta banda e acamparon na terra chá de Iezrael. [34]E o espírito do Señor entrou en Guideón, e tocou a trompeta e acudiron os de Abiezer con el; [35]e enviou mensaxeiros por todo Menaxés e acudiron tamén onda el; e

**6**, 11 A vocación de Guideón descríbese dun xeito semellante á de Moisés: el coida que non é o indicado, atopa dificultades por todas partes, precisará sinais (cf Éx **3**, 10-14; **4**, 1-17).

**6**, 19 Un *efah* é unha medida de áridos. Equivale a 10 "hómer" (cf Éx **16**, 36): 45 l.

**6**, 25 *Os cipos* eran representacións das divindades femininas cananeas. Como vemos polo texto (**6**, 25-26), eran de madeira, podíanse cortar para alimentar o lume (cf Éx **34**, 13; Dt **12**, 3).

**6**, 32 Os vv. 11-12 seméllanse abondo a 1 Re **18**, 20-38. Nos dous sitios desafíase a Baal a que se defenda el. Baal non fala; e é, en troques, Iavé, quen consome o que se lle ofrece en sacrificio. De resultas, tanto Guideón como Elías sálvanse dos que atentaban contra eles por seguiren a Iavé e loitaren contra Baal.

O nome Ierubaal significa "defenda Baal", facendo referencia ao dito no v. 31, e non ao que ten que facer Guideón (v. 32).

**6**, 33 *A terra chá de Iezrael* vai desde o Carmelo a Bet-Xeán.

enviou mensaxeiros a Axer, a Zebulón e a Naftalí e subiron ao encontro deles.
[36]E dixo Guideón a Deus: –Se pensas salvar a Israel pola miña man, como dixeches, [37]velaquí que eu vou colocar unha guedella de la na eira. Se soamente hai xeada enriba da guedella, estando enxoita a terra, coñecerei que salvarás a Israel pola miña man, tal como dixeches.
[38]E aconteceu así. E levantouse de mañanciña, torceu a guedella, enxugou a xeada da guedella e encheu de auga unha cunca. [39]E dixo Guideón a Deus: –Non se alporice a túa ira contra min se falo unha vez máis. Déixame probar soamente outra vez coa guedella: que quede enxoita só a guedella e que haxa xeada por toda a terra.
[40]E fixo Deus así aquela noite e houbo secura só na guedella, mentres que había xeada por toda a terra.

### Desfeita de Madián

**7** [1]E ergueuse Ierubaal, que é Guideón, e todo o pobo co que contaba e acamparon onda a fonte de Harod; e o campamento dos madianitas estaba ao norte deles (onde Guibeat-Hamoreh), na terra chá.
[2]E dixo o Señor a Guideón: –A xente que tes contigo é abondosa de máis para que eu entregue aos madianitas nas súas mans: non sexa que se poña a alardear Israel diante de min, dicindo: "Salveime eu por min mesmo". [3]E agora fai favor de comunicar aos oídos do pobo o que segue: "Quen teña medo e trema, que se volva e arrede do monte de Galaad".
E volvéronse vinte e dous mil homes do pobo e quedaron dez mil. [4]E dixo o Señor a Guideón: –Aínda o pobo é numeroso de máis: fainos baixar á auga e probareichos alí; e cando che diga: este irá contigo, el irá contigo; e de todo o que che diga: este non irá contigo, ese non irá.
[5]E fixo baixar o pobo á auga; e dixo o Señor a Guideón: –A todos os que lamban a auga coa súa lingua –como a lamben os cans–, xuntaralos á parte dos que se axeonllen para beber.
[6]E o número dos que lamberon na man foi de trescentos homes; e todo o resto do pobo axeonllouse para beber auga. [7]E dixo o Señor a Guideón: –Cos trescentos homes que beberon lambendo, vouvos salvar, e porei aos madianitas nas túas mans; e o resto da xente, que vaia cadaquén para o seu lugar.
[8]E o pobo colleu nas súas mans o fornecemento e mais as súas trompetas, e mandou Guideón a todos os homes de Israel para a súa tenda e quedou soamente cos trescentos (e o campamento de Madián atopábase debaixo del, no val).
[9]E aconteceu que aquela noite lle dixo o Señor: –Érguete e baixa ao campamento, pois entrégoo nas túas mans. [10]E se tes medo de baixares só ao campamento, baixade ti e mais Purah, o teu servo. [11]Escoita o que falan e fortaleceraste e baixarás contra o campamento.
E baixou el e mais Purah –o seu servo– ata o remate da vangarda do campamento. [12]E os madianitas, os amalecitas e todos os orientais estaban deitados pola terra chá (unha multitude coma de lagostas, e a cantidade de camelos era abondosa coma a area da beira do mar).
[13]E cando chegou Guideón, velaquí que estaba un contándolle un soño ao seu compañeiro, e dicía: –Velaquí o soño que tiven: Soñei que un molete de pan de cebada arrolaba polo campamento de Madián e chegou ata a tenda, bateu contra ela e chimpouna por terra virándoa cara arriba, e despois a tenda estomballouse.
[14]E respondeulle o compañeiro: –Isto non che é outra cousa que a espada de Guideón, o fillo de Ioax, o israelita, pois Deus puxo nas súas mans a Madián e a todo o campamento.
[15]E aconteceu que, cando oíu Guideón o relato do soño e mais a súa interpretación, prosternouse, e decontado volveu ao campamento de Israel, e dixo: –Erguédevos, pois o Señor puxo nas vosas mans o campamento de Madián.
[16]E distribuíu Guideón os trescentos homes en tres corpos, e puxo trompetas nas mans de todos eles e mais canecos baldeiros e fachos para as bocas dos canecos. [17]E díxolles: –Ollade para min, de xeito que fagades coma min. Velaquí que cando eu chegue á vangarda do campamento, o que eu faga habédelo de facer tamén vós. [18]Cando eu e

**6**, 36ss Dous sinais que, unidos aos de **6**, 11-12, deberían convencer a Guideón de que Deus estaba con el. Con todo Guideón seguirá na dúbida, e precisará aínda doutro sinal (cf **7**, 10-15).
**7**, 1 *En-Harod* ("a fonte de Harod") está 3 km ao SL de Iezrael, ao pé do monte Guilboa.
*Guibeat-Hamoreh* (o "outeiro do Moré"), está ao N de Guilboa.
**7**, 2 Deus quería facer ver que a vitoria era debida á súa intervención. Por iso non quere un exército numeroso. A importancia de Deus para a vida do home é clara ao longo da Biblia (cf Dt **7**, 6-8; Sal **127**, 1-2; 1 Cor **1**, 26-31; **2**, 1-5).
**7**, 18 A estratexia de Guideón consistía en rodear o inimigo por tres lados, e amedrentalo, caendo de súpeto cando era de noite, e dando berros. Despois pedirá á outra xente que corten o paso do Xordán (**7**, 24).

mais todos os que estean comigo toquemos a trompeta, tocaredes as trompetas tamén vosoutros –os que esteades arredor de todo o campamento–, e bradaredes: "Por Iavé e por Guideón!".

19E chegou Guideón con cen homes á vangarda do campamento, ao comezo da segunda candea, xusto cando acababan de relevar aos vixías. E tocaron as trompetas e escacharon os canecos que levaban nas mans. 20E tocaron as trompetas os tres corpos, e escacharon os canecos e premeron os fachos coa man esquerda e coa dereita as trompetas, para tocaren. E berraron: "Espada por Iavé e por Guideón!". 21E estiveron quedos cada un no seu sitio, arredor do campamento, e todo o campamento rompeu a correr, a berrar e a fuxir. 22E os trescentos fixeron soar as trompetas, e o Señor fixo que a espada de cada un dos outros fose contra o seu compañeiro e contra todo o campamento; e fuxiu o exército inimigo ata Bet-Xitah, cara a Sererah, e ata a beira de Abel-Meholah, a carón de Tabat.

23E xuntáronse os israelitas de Naftalí, de Axer e de todo Menaxés e perseguiron aos madianitas. 24E Guideón mandou mensaxeiros por toda a serra de Efraím, dicindo: –Baixade ao encontro dos madianitas e ocupade antes ca eles os baixíos ata Bet-Barah e o Xordán.

E xuntáronse todos os homes de Efraím e ocuparon os baixíos ata Bet-Barah e o Xordán. 25E pillaron a dous príncipes dos madianitas a Oreb e Zeeb, e mataron a Oreb no Refuxio de Oreb; e a Zeeb, matárono no Lagar de Zeeb. E perseguiron aos madianitas e leváronlle da banda de alá do Xordán a Guidéon as cabezas de Oreb e de Zeeb.

### Guideón na outra banda do Xordán

**8** 1E dixéronlle os homes de Efraím: –Que é iso que nos fixeches, de non convocáresnos cando fuches á guerra contra os madianitas?

E queixáronse rexamente contra el. 2E respondeulles: –E que fixen eu agora, comparado co que fixestes vosoutros? E logo non é mellor o rebusco de Efraím ca a viña de Abiezer? 3Nas vosas mans puxo Deus aos príncipes de Madián –a Oreb e a Zeeb–, e que podía eu facer en comparanza convosco?

Daquela, con estas palabras, amainou a ira que se alporizara contra el por aquel feito.

4E chegou Guideón ao Xordán e pasouno cos trescentos homes, que ían derreados, pero abouxando decote. 5E dixo aos veciños de Sucot: –Dádenos, por favor, uns moletes de pan para a xente que me segue, pois están derreados e estou abouxando a Zébah e Salmuná, reis de Madián.

6E responderon os príncipes de Sucot: –E logo xa amarraches a Zébah e Salmuná, de xeito que lle deamos pan ao teu exército?

7E dixo Guideón: –Daquela, cando Iavé poña a Zébah e Salmuná nas miñas mans, raspiñarei as vosas carnes con espiños e cardos do deserto.

8E subiu de alí a Penuel, e faloulles do mesmo xeito. E os veciños de Penuel respondéronlle o mesmo ca os de Sucot. 9E dixo tamén aos homes de Penuel: –Cando volva vitorioso, derrubarei esta torre.

10E Zébah e Salmuná estaban en Carcor co seu exército: uns quince mil, que eran todos os sobreviventes de todo o campamento de orientais (pois os mortos foran cento vinte mil homes, abatidos pola espada). 11E subiu Guideón polo camiño dos que vivían en tendas ao oriente de Nóbah e de Iogbehah, e mallou no campamento, que entón estaba confiado. 12E emprenderon a fuxida Zébah e Salmuná e perseguiunos, ata pillar os dous reis de Madián –Zébah e Salmuná–, enchendo así de terror a todo o campamento. 13E tornou Guideón –o fillo de Ioax– da batalla pola costa de Heres, 14e pillou a un mozo dos veciños de Sucot, e preguntoulle a el, e el describiulle aos príncipes de Sucot e aos seus vellos: setenta e sete homes.

**7**, 22 Deus dispón as cousas en favor do seu pobo arrepentido (cf Rm **8**, 28).
Os lugares que se citan neste v. quedan cerca do Xordán, ao SL de Iezrael, que era por onde collían eles para fuxiren cara á súa terra.
**8**, 2 Algúns gañan máis rebuscando nos espolios que recollendo o propio froito. O dito de Guideón alude a esa posibilidade, concretada en que os participantes na loita lles puxeron nas mans aos de Efraím o froito dos seus esforzos. Coa mesma deféndese Guideón do erro de non chamalos antes. O máis probable é que Guideón non os chamase porque os afectados directamente eran Menaxés, Axer, Zebulón e Naftalí. De todos xeitos Efraím sairía prexudicado se perdesen os desas tribos, pois o territorio del quedaba aínda máis preto da terra de Madián do que quedaba o delas.
**8**, 4 Os vv. 4-21debían formar unha historia independente, relativa á campaña da Transxordania.
**8**, 6 Era un xeito de dicir que, se xa os pillaran, que lle darían o requirido, pero non antes de os colleren. É moi probable que Sucot e Penuel fosen vilas cananeas, o que explica mellor a negativa a concederlle axuda a Guideón. En calquera caso, tamén terían medo ás represalias dos seus veciños, que habitaban, coma eles, para alá do Xordán.
**8**, 11 *Nóbah* é un clan de Menaxés establecido na Transxordania (cf Núm **32**, 42).
*Iogbehah* é unha vila transxordana, pertencente á tribo de Gad, e situada 13 km ao NO de Rabat-Amón.

15E chegou onda os veciños de Sucot e
dixo: –Velaquí a Zébah e a Salmuná, polos
que me aldraxastes, dicindo: "E logo xa ama-
rraches a Zébah e Salmuná, de xeito que dea-
mos pan aos teus homes derreados"?
16E colleu aos vellos da vila, e espiños e
mais cardos do deserto; e con eles fíxolles
saber o que era bo aos veciños de Sucot. 17E
derrubou a torre de Penuel e matou aos ho-
mes da vila.
18Daquela, díxolles a Zébah e a Salmuná:
–Como eran os homes que matastes no Ta-
bor?
E responderon: –Como es ti, así eran eles:
uns e outros semellaban fillos de reis.
19E engadiu el: –Eran meus irmáns, fillos
de miña nai. Vive Iavé!, que, se os deixáse-
des vivir, non vos mataría.
20E díxolle a Iéter, o seu fillo primoxénito:
–Anda, mátaos!
Pero o rapaz non desenvaiñou a súa espa-
da, pois tiña medo, por ser aínda moi novo.
21E dixeron Zébah e Salmuná: –Érguete ti e
arremete contra nós, pois como é o home así
é a súa forza.
E ergueuse Guideón e matou a Zébah e a
Salmuná, e colleu as medias lúas que pendu-
raban dos pescozos dos seus camelos.

**Prevaricación de Israel e morte de Guideón**

22E dixeron os homes de Israel a Guideón:
–Manda ti sobre nós, ti e mais teu fillo e o
fillo de teu fillo, pois salváchesnos das mans
dos madianitas.
23E respondeulles Guideón: –Non manda-
rei eu sobre vós, nin tampouco mandará meu
fillo: será o Señor quen mande sobre vós.
24E engadiu Guideón: –Pídovos unha cou-
sa: que cada un me deades un anel dos vosos
espolios (xa que os espoliados tiñan aneis de
ouro, pois eran ismaelitas).
25E dixeron: –De certo darémoschos.
E tenderon un manto e botaron alí cadan-
seu anel dos espolios. 26E foi o peso dos aneis
de ouro que pediu mil setecentos siclos de
ouro, á parte das medias lúas, os pendentes
e vestidos de púrpura que levaban os reis de
Madián, e á parte dos colares que pendían do
pescozo dos seus camelos. 27E Guideón fixo
un *efod* e colocouno no seu pobo, en Ofrah.
E prostituíuse alí todo Israel detrás del, resul-
tando así unha perdición para Guideón e para
a súa casa.28E quedou humillado Madián ante
os fillos de Israel e xa non levantou cabeza. E
o país quedou tranquilo durante corenta anos
nos días de Guideón. 29E foi Ierubaal –o fillo
de Ioax– e habitou na súa casa. 30E Guideón
tivo setenta fillos –nacidos todos del–, pois
tiña moitas mulleres. 31E a súa concubina –a
que estaba en Xequem–, pariulle tamén un
fillo e púxolle de nome Abimélec.
32E morreu Guideón, o fillo de Ioax, en boa
vellez; e foi sepultado na sepultura de Ioax,
seu pai, en Ofrah de Abiezer. 33E aconteceu
que, en morrendo Guideón, volveron ás anda-
das os fillos de Israel e prostituíronse detrás
dos baais, e tiveron como deus a Baal-Berit.
34E non se lembraron os fillos de Israel do Se-
ñor, o seu Deus, que os librara das mans de to-
dos os seus inimigos do arredor. 35Nin tiveron
misericordia coa casa de Ierubaal (Guideón)
despois de tanto ben como fixera con Israel.

**Abimélec, rei**

**9** 1E foi Abimélec, fillo de Ierubaal, a Xe-
quem, onda os irmáns de súa nai, e fa-
loulles a eles e a toda a casa paterna de súa
nai deste xeito: 2–Dicide, por favor, aos oídos
de todos os señores de Xequem: "Que vos
parece mellor: que manden en vós setenta
homes –todos os fillos de Ierubaal–, ou que
mande en vós un só home? E lembrádevos de
que eu son óso e carne vosa".
3E os irmáns de súa nai contaron todo isto
acerca del aos oídos de todos os señores de
Xequem; e o corazón deles púxose do lado
de Abimélec, pois dixeron "é noso irmán".
4E déronlle setenta siclos de prata do templo

**8**, 18 Este v. e os seguintes fan pensar que Guideón estaba exercendo de "goel", vingando a seus irmáns, a quen mataran Zébah e Salmuná.
**8**, 22 Os vv. 22-27 son unha peza independente. A idea que latexa neles é a de deixar mal á monarquía. Aínda que Guideón pensa que o único rei é Iavé, remata recollendo gran parte dos espolios e facendo un ídolo, ao que renderán culto; e a un dos seus fillos, ponlle de nome "Abimélec", que quere dicir "meu pai é rei".
**8**, 27 Cf Xos **23**, 12-13; Xuí **2**, 17.
Aínda que se fala dun "efod", trátase dun ídolo, cuberto cun vestido de liño que acostumaban levar os sacerdotes (efod).
**8**, 33 *Os baais* son os deuses da terra conquistada. Un deles é Baal-Berit (Señor da Alianza) (cf nota a **9**, 4).
**8**, 35 Este v. é unha anticipación do que se vai tratar no c. seguinte.
**9**, 2 Abimélec faláballes aos seus tíos e curmáns. O parentesco era só por parte de nai. Esa xente non tiña nada que ver cos outros setenta fillos de Guideón (cf **8**, 30-31; **9**, 1).
**9**, 4 *Baal-Berit* significa "Señor da Alianza". Os xequemitas tiñan un templo onde honraban o deus cananeo ao que alude este versículo. Abimélec comeza mal: non é escollido por Iavé, non se deixa levar por el, recolle unha axuda de Baal-Berit, e contrata con ese diñeiro a unha cuadrilla de desalmados. Con eses principios as cousas non podían saír moi ben (cf **9**, 5).

de Baal-Berit, e con eles contratou Abimélec
a homes miserables e falsos, que foron detrás
del. [5]E chegou á casa de seu pai, a Ofrah, e
matou a seus irmáns, fillos de Ierubaal: se-
tenta homes, sobre a mesma pedra. Pero so-
breviviu Iotam, o fillo máis novo de Ierubaal,
porque se agachara. [6]E xuntáronse todos os
señores de Xequem e de Bet-Miló e foron e
proclamaron rei a Abimélec onda a aciñeira
da estela que hai en Xequem.

### A fábula de Iotam

[7]E informaron a Iotam, e foise poñer no
cume do Monte Garizim e dispuxo a súa voz
para falar ben alto. E dixo: –Escoitádeme,
señores de Xequem, e que Deus vos escoite
tamén a vós:

[8]Puxéronse en camiño as árbores
para unxir un rei para elas,
e dixéronlle á oliveira: reina sobre nós!
[9]E respondeulles a oliveira:
E hei de renunciar eu ao meu aceite,
co que se honraron deuses e homes,
para me ir abanear polas árbores?
[10]Dixéronlle entón as árbores á figueira:
ven reinar sobre nós!
[11]E respondeulles a figueira:
E vou renunciar eu á miña dozura
e aos meus saborosos froitos,
para me ir abanear polas árbores?
[12]E dixéronlle as árbores á vide:
ven reinar sobre nós!
[13]E respondeulles a vide:
E hei renunciar eu ao meu viño,
que fai poñer ledos a deuses e homes,
para me ir abanear polas árbores?
[14]Daquela dixeron
todas as árbores á silveira:
ven reinar sobre nós!
[15]E díxolles a silveira ás árbores:
se con sinceridade me unxides
para ser voso rei,
vídevos acubillar á miña sombra;
pero se non é así,
que saia lume da silveira,
que devore aos cedros do Líbano.

[16]E agora, se procedestes con sinceridade
e rectitude para constituír rei a Abimélec; se
procedestes ben con Ierubaal e coa súa casa;
e se lle recompensastes as obras das súas
mans [17](pois meu pai loitou por vós arris-
cando a propia vida, e librouvos das mans
de Madián. [18]E vós erguédesvos hoxe contra
a casa de meu pai e matades a seus fillos,
setenta homes, sobre a mesma pedra; e pro-
clamades rei sobre os señores de Xequem a
Abimélec, fillo da súa escrava, pois, dici-
des, é noso irmán...). [19]Pois ben, se proce-
destes con sinceridade e rectitude verbo de
Ierubaal e da súa casa neste día, aledádevos
por Abimélec, e que tamén el se alede por
vós. [20]Pero se non foi así, que saia lume de
Abimélec e que devore aos señores de Xe-
quem e de Bet-Miló; e que saia lume dos se-
ñores de Xequem e de Bet-Miló, que devore
a Abimélec.

[21]Daquela Iotam botou a correr e fuxiu e
foi a Beer, e habitou alí por medo de seu ir-
mán Abimélec.

### Gáal e os señores de Xequem contra Abimélec

[22]E Abimélec levaba xa tres anos reinando
sobre Israel, [23]cando Deus meteu un espíri-
to ruín entre Abimélec e os señores de Xe-
quem; e os señores de Xequem traizoaron a
Abimélec. [24](Para vingar deste xeito a vio-
lencia feita nos setenta fillos de Ierubaal, e
botar o seu sangue sobre Abimélec, seu ir-
mán, que os matara, e sobre os señores de
Xequem, que fortaleceran as mans daquel
para matar a seus irmáns). [25]E os señores de
Xequem puxéronlle emboscadas nos cumes
dos montes e saqueaban a cantos pasaban a
carón deles polo camiño; e foille notificado
a Abimélec. [26]E foi Gáal, o fillo de Ébed, e
mais seus irmáns, e pasaron por Xequem; e
confiaron nel os señores de Xequem. [27]E saí-
ron ao campo, e vendimaron as viñas deles
e pisaron as uvas e fixeron festa; e entraron
na casa do seu deus, e comeron e beberon,
e renegaron de Abimélec. [28]E dixo Gáal, o
fillo de Ébed:

**9**, 7 A proclamación a voz en grito do apólogo de Iotam, na crista do Garizim, é, a todas luces, irreal. A Iotam chegáballe abondo con agacharse, se non quería morrer a mans de Abimélec. A narración dese feito irreal é o banzo axeitado para dar paso á fábula que vai deseguido. A fábula ou apólogo de Iotam (**9**, 8-20) é unha crítica aberta á monarquía. Ninguén sentía necesidade de ter un rei, e a ninguén lle chamaba moito selo; e, non querendo os que valían para iso (a oliveira, a figueira e a vide), foino ser quen menos valía (a silveira), Abimélec.

**9**, 20 *Bet-Miló* era o lugar onde se reunía o consello da vila.

**9**, 21 *Beer* significa "pozo". O lugar onde se agachou Iotam fuxindo de Abimélec non está aínda identificado, pero debía ser alá pola parte de Bet-Xeán lonxe de Xequem, onde hai abondos mananciais de auga.

**9**, 22 Os vv. 22-29 ofrecen dúas versións paralelas da caída en desgraza de Abimélec: en **9**, 22-25 intervén Deus, enviándolle un mal espírito (algo semellante ao que aconteceu con Xaúl: cf 1 Sam **18**, 10), co que os xequemitas se van rebelar contra el. Nos vv. 26-29 cóntase, sen máis, o que fixo Gáal, sen relacionalo sequera coa intervención de Deus. O autor sagrado xunta as dúas versións, pois o que lle interesa son só as conclusións teolóxicas (cf **9**, 56-57).

–Que hai entre Abimélec e Xequem para
que teñamos que servilo? E logo o fillo de
Ierubaal e mais Zebul, o seu lugartenente, non
serviron aos homes de Hamor, o pai de Xe-
quem? E por que, entón, temos nós que servi-
lo a el? [29]Quen puxera a este pobo nas miñas
mans! Daquela botaría de aquí a Abimélec e
diríalle: "Reforza o teu exército e sae!".
[30]En oíndo Zebul, o gobernador da vila, as
palabras de Gáal, o fillo de Ébed, acendeuse
a súa ira, [31]e enviou mensaxeiros ás agacha-
das, dicindo: –Velaquí que Gáal, o fillo de
Ébed, e mais seus irmáns, viñeron a Xequem
e soerguen a vila contra ti. [32]Agora, pois,
érguete de noite coa xente que tes contigo
e arma unha emboscada no campo; [33]e pola
mañá levantádevos á saída do sol e lanzáde-
vos contra a vila; e velaquí que, cando el e
mais a xente que estea con el saian contra ti,
farás con el o que che veña á man. [34]E er-
gueuse Abimélec coa xente que tiña con el,
pola noite, e dispuxeron unha emboscada de
catro corpos armados contra Xequem. [35]E
saíu Gáal, o fillo de Ébed, e permaneceu á
entrada da porta da vila; e xurdiu Abimélec
da emboscada coa xente que tiña con el.
[36]E viu Gáal a xente e dixo a Zebul: –Velaí
a multitude que baixa das cristas dos montes!
E respondeulle Zebul: –Ti ves as sombras
dos montes coma se fosen homes!
[37]Continuou falando Gáal e dixo: –Velaí
xente baixando do Embigo da Terra e outro
grupo que vén polo camiño da Aciñeira dos
Adiviños.
[38]E díxolle Zebul: –Onde vai agora a túa
boca, coa que dicías quen é Abimélec, para
que o sirvamos? Logo non é este o pobo que
ti aldraxaches? Dálle, sae agora e loita contra
el!
[39]E saíu Gáal á fronte dos señores de
Xequem e loitou contra Abimélec. [40]E per-
seguiuno Abimélec e fuxiu de diante del,
e foron moitos os que caeron mortos ata a
entrada da porta. [41]E habitou Abimélec en
Arumah; e Zebul botou fóra a Gáal e a seus
irmáns, vedándolles a residencia en Xequem.

[42]Ao día seguinte, saíu o pobo ao campo, e
notificáronllo a Abimélec. [43]E colleu o exérci-
to e dividiuno en tres corpos e montou unha
emboscada no campo; e, ao ver que o pobo
saía da vila, arremeteu contra eles e esgazou-
nos. [44]E Abimélec e mais o corpo que estaba
con el avanzaron e colocáronse á entrada da
porta da vila, namentres que os outros dous
corpos lanzábanse contra todos os que estaban
no campo e derrotábanos. [45]E Abimélec estivo
loitando contra a vila durante toda a xornada.
E conquistouna e matou a xente que había
nela; e arrasou a cidade e sementouna de sal.
[46]E soubérono todos os señores da torre de
Xequem, e entraron na fortaleza do templo
de El-Berit. [47]E foille notificado a Abimélec
que se reuniran todos os señores da torre de
Xequem. [48]E subiu Abimélec ao monte Sal-
món, con toda a xente que estaba con el; e
colleu Abimélec unha machada na súa man e
cortou unha póla de árbore, e, turrando dela,
púxoa sobre o seu ombro, e díxolle á xente
que estaba con el: –O que me vistes facer,
dádevos présa, e facede outro tanto.
[49]E cortaron tamén todos eles cadansúa
póla, e foron detrás de Abimélec, e colocáro-
nas contra a fortaleza. Con elas prendéronlle
lume á fortaleza e morreron así todos os ho-
mes da torre de Xequem (uns mil, entre ho-
mes e mulleres).

### Morte de Abimélec

[50]E foi Abimélec a Tebés. E asediou Tebés
e conquistouna. [51]Pero había un forte no me-
dio da vila e fuxiran cara a alí todos os homes
e mulleres e todos os señores da vila, e pecha-
ráranse dentro e subiran ata o teito da torre. [52]E
chegou Abimélec ata o forte e preparou a loita
contra el; e achegouse ata a mesma entrada
do forte, para prenderlle lume. [53]Daquela
unha muller lanzou contra a testa de Abimé-
lec unha pedra de moer e fendeulle o cranio.
[54]E chamou axiña Abimélec polo mozo que
lle facía de escudeiro e díxolle: –Desenvaíña
a túa espada, e mátame, para que non digan
de min: "Matouno unha muller".

**9**, 37 *O Embigo da Terra* debe ser un outeiro próximo a Xequem. En Xudá danlle o mesmo nome a Xerusalén, por considerala o centro da terra.
**9**, 41 Aquí remata unha das tradicións. A outra ofrecerase nos vv. 42-45.
**9**, 45 O sementar de sal unha cidade era un castigo non precisamente momentáneo, pois con esa resolución asegurábase a esterilidade do campo (cf Dt **29**, 32).
**9**, 46 *O templo de El-Berit* é o templo do Deus da Alianza, distinto do de Baal (cf **9**, 4). Alí protéxense os xequemitas, pensando que Abimélec non ía verter sangue no lugar sacro. E, de certo, Abimélec non empregou a espada, pero fixoos morrer a todos queimados. Os restos da torre dos tempos de Abimélec pódense ver aínda hoxe na vila vella de Xequem.
**9**, 50 *Tebés*: parece que é a Tubas de hoxe, uns 15 km ao N de Xequem.

E traspasouno o escudeiro e morreu. [55]E cando viron os israelitas que Abimélec morrera, foron para cadanseu lugar. [56]Devolveulle así Deus o mal que fixera Abimélec a seu pai matando os seus setenta irmáns; [57]e todo o mal dos homes de Xequem, fíxoo tornar Deus sobre as súas cabezas, vindo así sobre eles a maldición de Iotam, o fillo de Ierubaal.

### Dous "Xuíces Menores": Tolá e Iair

**10** [1]E despois de Abimélec ergueuse para salvar a Israel, Tolá, fillo de Puah, fillo de Dodó, un home de Isacar; e habitou en Xamir, na serra de Efraím. [2]Xulgou a Israel durante vinte e tres anos. E morreu e foi sepultado en Xamir.

[3]Despois del, ergueuse Iair, galaadita, quen xulgou a Israel durante vinte e dous anos. [4]E tiña trinta fillos, que cabalgaban sobre trinta burros e que eran os donos de trinta cidades, nomeadas ata o día de hoxe Havot-Iair, na terra de Galaad. [5]E morreu Iair e foi sepultado en Camón.

### Máis infidelidades e opresión dos amonitas

[6]E volveron os fillos de Israel facer o mal diante do Señor e serviron aos baais e ás axtartés e aos deuses de Siria, aos deuses de Sidón, aos deuses de Moab, aos deuses dos fillos de Amón e aos deuses dos filisteos; e abandonaron o Señor e xa non o serviron. [7]E acendeuse a ira do Señor contra Israel e entregounos nas mans dos filisteos e nas mans dos fillos de Amón, [8]que atribularon e oprimiron durante dezaoito anos a todos os fillos de Israel da outra banda do Xordán, na terra dos amorreos, que está en Galaad. [9]E pasaron os fillos de Amón o Xordán, para loitaren tamén contra Xudá, contra Benxamín e contra a casa de Efraím, e atormentaron abondo a Israel.

[10]E clamaron os fillos de Israel ao Señor, dicindo: –Pecamos contra ti, porque abandonamos o noso Deus e servimos os baais.

[11]E dixo o Señor aos fillos de Israel: –Cando os de Exipto, e os amorreos, os fillos de Amón e os filisteos, [12]os sidonios, os amalecitas e os madianitas vos oprimiron e clamastes por min, logo non vos salvei eu das súas mans? [13]Pero vós abandonástesme e servistes outros deuses. Así que non volverei a salvarvos máis. [14]Ide e clamade polos deuses que escollestes: que vos salven eles no tempo da vosa anguria.

[15]E dixeron os fillos de Israel ao Señor: –Pecamos. Podes facer connosco o que mellor che pareza. Soamente che pregamos, por favor, que nos salves neste día.

[16]E retiraron os deuses alleos do medio deles, e serviron ao Señor, que non puido aturar máis os sufrimentos de Israel. [17]E concentráronse os fillos de Amón e acamparon en Guilgal; e xuntáronse tamén os fillos de Israel e acamparon en Mispah. [18]E o pobo e os príncipes de Galaad dixeron cada un ao seu compañeiro: –Quen será o home que comece a loitar contra os fillos de Amón? El será o xefe de todos os veciños de Galaad.

### Iefté, os seus paisanos e os amonitas

**11** [1]E Iefté, o galaadita, era un guerreiro valente, fillo dunha prostituta. Xerárao Galaad. [2]E a muller de Galaad deulle outros fillos; e fixéronse grandes os fillos da súa muller e botaron fóra a Iefté, dicíndolle: –Non herdarás na casa de noso pai, pois es fillo doutra muller.

**9**, 57 Deus fai de goel con Guideón, vingando o sangue de seus fillos, asasinados por Abimélec. Así, Abimélec morre vilmente (practicamente por mans dunha muller, o que estaba moi mal visto).
**10**, 1 Os vv. 1-5 tratan de dous xuíces menores. Exercen nunha parte da terra chá de Iezrael (Tolá), e na outra banda do Xordán, en Galaad (Iair).
As expresións "despois de", non teñen connotación temporal, senón que soamente serven de enlace literario.
*Xamir* pode ser a mesma vila de Samaria (Xomrón), propiedade de Xémer cando lla comprou Omrí, e chamada Sebaste desde que Herodes lla dedicou a Augusto.
**10**, 4 Eses datos véñennos dicir que tiña riqueza e poderío.
No tocante a "Havot-Iair", cf Dt **3**, 14.
**10**, 5 *Camón* queda no territorio de Menaxés, da outra banda do Xordán, en Galaad e á altura de Meguido.
**10**, 6 Nos vv. 6-16 prepárase a futura loita contra os amonitas e os filisteos; e, ao mesmo tempo, insístese na temática deuteronomista da opresión allea como consecuencia do pecado de Israel.
**10**, 8 As traducións deste v. diverxen pola diferenza entre as lecturas que ofrecen os distintos manuscritos.
**10**, 14 A ironía de Deus é cousa fina. Ao presentala nesas verbas, o deuteronomista quere dicirlle á xente que non atoparán en ningunha parte un deus salvador coma o Deus de Israel. Cando os israelitas deixan os ídolos e se converten, Deus conmóvese e prepárase a suscitar un liberador (v. 16). O pobo xúntase en Mispah de Galaad, no santuario de Deus, cerca do territorio de Amón (v. 17). Reúnense alí para consultar a Iavé (v. 18). Os vv. 17-18 veñen ser unha anticipación e un resumo do que se dirá en **11**, 1-10.
**11**, 1 Os vv. 1-11 tratan da procedencia de Iefté (heb. "Iíftah") e do mal trato que lle deron os seus medios-irmáns e os vellos da cidade.

[3]E liscou Iefté de onda seus irmáns e estableceuse no país de Tob. E xuntáronse con Iefté homes ruíns, que saían canda el. [4]E aconteceu, co pasar do tempo, que os fillos de Amón guerrearon contra Israel. [5]E ao batallaren os fillos de Amón contra Israel, foron os anciáns de Galaad para traer a Iefté da terra de Tob. [6]E dixéronlle a Iefté: –Ven, e serás o noso xefe e loitaremos contra os fillos de Amón.

[7]E dixo Iefté aos anciáns de Galaad: –Logo vós non me odiastes e me botastes da casa de meu pai? Como é que vides onda min agora, cando estades en apuro?

[8]E responderon os anciáns de Galaad a Iefté: –Por iso tornamos agora onda ti, para que veñas connosco e loites contra os fillos de Amón e sexas o noso xefe e o de todos os veciños de Galaad.

[9]E dixo Iefté aos anciáns de Galaad: –Se me facedes volver para loitar contra os fillos de Amón, e os pon o Señor nas miñas mans, entón serei eu o voso xefe.

[10]E dixeron os anciáns de Galaad a Iefté: –O Señor sexa demandante contra nosoutros, se non facemos tal como dixeches.

[11]E foi Iefté cos anciáns de Galaad, e o pobo constituíuno capitán e caudillo; Iefté soltou todo o que tiña que dicir, diante do Señor, en Mispah. [12]E enviou Iefté mensaxeiros ao rei dos fillos de Amón, para lle dicir: –Que hai entre nós os dous, para que veñas loitar contra min na miña terra?

[13]E respondeu o rei dos fillos de Amón aos mensaxeiros de Iefté: –O que hai é que Israel se apropiou da miña terra –ao subir el de Exipto–, desde o Arnón ata o Iaboc e o Xordán; agora, pois, volvédema e quedamos en paz.

[14]E Iefté volveu mandar mensaxeiros ao rei dos fillos de Amón, [15]manifestándolle: –Iefté di isto: Non apreixou Israel a terra de Moab, nin a terra dos fillos de Amón, [16]senón que, ao subir de Exipto, estivo Israel polo deserto, ata o mar Vermello, e chegou a Cadex. [17]E enviou Israel mensaxeiros ao rei de Edom, dicindo: "Déixame pasar pola túa terra"; pero o rei de Edom non quixo escoitar; e mandounos tamén ao rei de Moab e este non consentiu. Daquela habitou Israel en Cadex. [18]E foi polo deserto e rodeou o país de Edom e o país de Moab e chegou polo oriente do país de Moab e acampou na outra banda do Arnón, sen chegar ao lindeiro de Moab (pois o lindeiro de Moab é o Arnón); [19]e mandou Israel mandadeiros a Sihón, rei dos amorreos –rei de Hexbón–, e suplicoulle Israel: "Déixame pasar polo teu país ata a miña terra"; [20]e non consentiu Sihón que pasase Israel polos seus lindeiros, e convocou Sihón a todo o seu pobo, e acamparon en Iáhsah e batallaron contra Israel. [21]E o Señor, Deus de Israel, puxo a Sihón e a todo o seu pobo nas mans de Israel, de xeito que os venceron, e apropiouse Israel de todo o país dos amorreos, que habitaban aquela terra. [22]E tomaron posesión de todo o territorio dos amorreos desde o Arnón ata o Iaboc, e desde o deserto ata o Xordán. [23]E agora, cando o Señor Deus de Israel botou os amorreos de diante do seu pobo Israel, vaste ti sobrepoñer? [24]E logo non acadaches ti o que Kemox, o teu deus, che fixo posuír? Pois tamén nosoutros acadamos o que tiñamos diante, e que o Señor, o noso Deus, nos fixo posuír. [25]E agora, es ti máis ca Balac, fillo de Sipor, rei de Moab?; e púxose el a preitear con Israel ou a loitar contra eles? [26]E levando Israel trescentos anos de permanencia en Hexbón e nos seus anexos, en Aroer e nos seus anexos, e en todas as vilas que están á beira do Arnón, por que non as recuperastes ao longo de todo ese tempo? [27]Daquela eu non pequei contra ti: es ti quen me fai mal batallando contra min. Que o Señor, o xuíz, xulgue hoxe entre os fillos de Israel e os fillos de Amón.

[28]Pero o rei dos fillos de Amón non quixo escoitar a mensaxe que lle mandara Iefté.

### O voto de Iefté

[29]E veu sobre Iefté o espírito do Señor e atravesou Galaad e Menaxés; e pasou a Mispah de Galaad e de Mispah de Galaad pasou onda os fillos de Amón.

[30]E fixo Iefté un voto ao Señor, dicindo: –Se de certo pos os fillos de Amón nas miñas mans, [31]o que saia das portas da miña casa

**11**, 3 *O país de Tob* está na banda de alá do Xordán, ao NL de Galaad, 60 km ao L do Lago de Xenesaret.

**11**, 11 No santuario do Señor comprométese Iefté con Deus e coa xente de Galaad. Di todo o que ten que dicir (cf Dt **5**, 22). Pode que fixese tamén alí o seu voto.

**11**, 12 Os vv. 12-28 escenifican unha conversa entre os mandadeiros de Iefté e os amonitas. Estes vv. e mais o 11b, rompen a continuidade que había antes entre o v. 11a e o 29.

**11**, 16 *En Cadex* (chamado tamén Cadex-Barnea) fixeron unha parada os israelitas e desde alí mandaron xente a explorar a terra de Canaán (cf Núm **13**, 25ss). Cadex queda no deserto do Négueb, uns 75 km ao S de Beerxeba.

**11**, 31 Os vv. 30-31 preparan os vv. 34-40. Iefté, contaminado polas crenzas doutros pobos, pensa que é bo ofrecer unha persoa querida ao propio Deus. Pero Deus non quere sacrificios humanos (Xén **22**, 10-14; Miq **6**, 7-8); máis aínda, rexéitaos (Xer **7**, 30-31).

ao meu encontro, ao volver eu vitorioso de
onda os fillos de Amón, será para o Señor e
ofrecereino en holocausto.
32E púxose Iefté a batallar contra os fillos de
Amón e entregounos Iavé nas súas mans. 33E
desbaratounos desde Aroer ata a entrada de
Minit (vinte cidades), e ata Abel-Queramim:
unha desfeita grande abondo, de xeito que os
fillos de Amón quedaron abaixados diante dos
fillos de Israel. 34E chegaba Iefté a Mispah, á
súa casa, cando súa filla saíu ao seu encontro
con pandeiros e con danzas (e era ela a única
filla, pois non tiña el máis fillos nin fillas).
35E, ao vela, rachou as súas vestiduras e
exclamou: –Oh miña nena! Magoáchesme
de verdade e ti es a razón da miña mágoa,
pois dei a miña palabra ao Señor e non podo
botarme atrás.
36E respondeulle ela: –Meu pai: se deches
unha palabra ao Señor, fai comigo segundo
o que prometiches, xa que o Señor che con-
cedeu vingarte dos teus inimigos, os fillos de
Amón. 37E engadiu: –O que che pido é o se-
guinte: que me deixes dous meses ceiba, para
que vaia vagando polos montes, chorando
coas miñas amigas a miña virxindade.
38E respondeulle el: –Vai!
E deixouna ir durante dous meses; e foi
ela coas súas amigas e chorou polos montes
a súa virxindade. 39E, ao remate dos dous
meses, volveu onda seu pai e este cumpriu
con ela o voto que fixera (sen que ela chega-
se a intimar con home). E fíxose costume en
Israel 40que fosen as mozas de Israel laiarse
todos os anos pola filla de Iefté o galaadita
catro días cada ano.

### Loita entre Galaad e Efraím

**12** 1E confabuláronse os homes de Efraím
e pasaron o río cara a Safón, e dixé-
ronlle a Iefté: –Por que fuches batallar con-
tra os fillos de Amón e non nos convocaches
para irmos contigo? Ímoslle prender lume á
túa casa contigo dentro.
2E respondeulles Iefté: –Tiven eu e mais o
meu pobo unha gran loita contra os fillos de
Amón e pedinvos axuda e non me salvastes
das súas mans. 3E cando vin que ti non me
salvabas, arrisquei a miña vida e pasei con-
tra os fillos de Amón e púxoos o Señor nas
miñas mans. Daquela, por que subides hoxe
contra min para me facerdes a guerra?
4E convocou Iefté a todos os homes de
Galaad e arremeteu contra Efraím; e zorre-
gáronlle os homes de Galaad a Efraím, por
dicirlles: "Os de Galaad sodes uns fugados de
Efraím, no medio de Efraím e de Menaxés!".
5E ocupou Galaad os baixíos do Xordán de
diante de Efraím e aconteceu que, cando di-
cía un dos fuxitivos de Efraím: "Déixame pa-
sar», preguntábanlle os homes de Galaad: "Ti
es efraimita". E respondía: "Non". 6Daquela
dicíanlle: "Fai favor de repetir Xibbólet". E
dicía: "Sibbólet" (pois non conseguía pronun-
cialo ben). Entón eles apreixábano e degolá-
bano xunto aos areais do Xordán. E caeron
naquel entón corenta e dous mil de Efraím. 7E
xulgou Iefté a Israel seis anos; e morreu Iefté,
o galaadita, e sepultárono na vila de Galaad.

### Ibsán, Elón e Abdón

8E despois del xulgou a Israel, Ibsán de
Belén. 9Tiña trinta fillos e trinta fillas, ás que
casou fóra de alí; e trouxo de fóra trinta mo-
zas para os seus fillos. Xulgou a Israel duran-
te sete anos. 10E morreu Ibsán e foi sepultado
en Belén.
11E despois del xulgou a Israel, Elón, o
zebulonita, quen xulgou a Israel ao longo de
dez anos. 12E morreu Elón, o zebulonita, e foi
sepultado en Aialón, no país de Zebulón.
13Despois del xulgou a Israel, Abdón, fillo
de Hilel, o piratonita. 14Tiña corenta fillos e
trinta netos, que cabalgaban sobre setenta bu-

**11**, 33 *O Aroer* que se cita aquí queda ao L de Rabat-Amón (cf nota a Xos **13**, 25). Minit está 15 km ao SO de Rabat-Amón. Abel-Queramin, preto de Minit, ao N de Hexbón.
**11**, 34 Os vv. 34-40 mostran as consecuencias do voto de Iefté. Este home foi vítima da súa temeridade; e a súa filla, tamén. Un comportamento semellante tivérao Xaúl, pero con distinto resultado (1 Sam **14**, 24-25). O texto bíblico ensínanos a non facermos tales votos; e o sentido común, xunguido á mensaxe da Biblia de que Deus é un Deus de amor, débenos mover a non cumprir tales promesas no caso de que, en momentos de pouca serenidade, chegásemos a facelas.
**11**, 37 O non ter descendencia era considerado no A. T. como un dos meirandes males que lle podían acontecer a unha persoa. Abonda con lembrar a ledicia de Raquel ao concibir (Xén **30**, 22-24) e a anguria de Ana, a nai de Samuel, cando era estéril (1 Sam **1**, 1-11).
**12**, 1 Os vv. 1-7 presentan os problemas que tivo Iefté cos de Efraím, por non convocalos para a loita contra os amonitas. Algo semellante lle pasara a Guideón tamén cos de Efraím (**8**, 1-3).
Safón pertence á tribo de Gad (cf Xos **13**, 27) e queda na outra banda do Xordán, preto do río.
**12**, 6 Se lle mandan dicir "xeito" a un castelán, o máis probable é que diga "seito".
**12**, 8 O pobo de onde era Ibsán é probablemente Belén de Zebulón, non Belén de Xudá.
**12**, 12 Este "Aialón" é distinto do pertencente aos levitas fillos de Quehat (Xos **21**, 24), no territorio de Dan, onde vencera Xosué aos amorreos (Xos **10**, 12-14). Do Aialón que se menciona aquí só temos os datos da súa pertenza á tribo de Zebulón.

rros. E xulgou a Israel durante oito anos. 15E morreu Abdón, fillo de Hilel, o piratonita, e foi sepultado en Piratón, no país de Efraím, na montaña dos amalecitas.

### Nacemento milagroso de Sansón

**13** 1E volveron os fillos de Israel facer o mal diante do Señor e púxoos Iavé nas mans dos filisteos durante corenta anos.

2Había un home de Sorah, da familia dos danitas, chamado Manóah. A súa muller era estéril e non procreara. 3E aparecéuselle á muller un mensaxeiro do Señor e díxolle: –Velaquí que ti es estéril e non xeraches; pero concibirás e parirás un fillo. 4E agora gárdate de beber viño e bebidas fermentadas e non comas nada impuro, 5pois velaquí que concibirás e parirás un fillo, e non subirá a navalla pola súa cabeza, pois o neno será nazir de Deus desde o ventre: e el comezará a salvar a Israel das mans dos filisteos.

6E foi a muller e díxolle ao seu marido: –Un home de Deus veu onda min e a súa semellanza era a dun anxo de Deus, terrible dabondo; e non lle preguntei de onde era nin el me manifestou o seu nome. 7E díxome: "Velaquí que concibirás e parirás un fillo. E agora non bebas viño nin bebidas fermentadas, e non comas nada impuro, pois o neno será nazir de Deus desde o ventre ata o día da súa morte".

8E suplicou Manóah a Iavé deste xeito: –Rógoche, meu Señor, que volva onda nós o home de Deus que enviaches e nos mostre o que temos que facer co neno cando naza.

9E escoitou Deus a voz de Manóah e volveu o anxo de Deus onda a muller, cando ela estaba sentada no campo (e Manóah, o seu home, non estaba con ela). 10Incorporouse axiña a muller e botou a correr e contoulle ao seu marido: –Velaquí que se me apareceu o home que viñera onda min o outro día.

11Entón Manóah ergueuse e foi detrás da súa muller e chegou a carón do home e díxolle: –Logo ti es o home que lle falou a esta muller?

E respondeulle el: –Si, son eu.

12E dixo Manóah: –Cando se cumpra a túa mensaxe, que procedemento haberá que seguir co neno de xeito que llo apliquemos?

13E dixo o anxo de Iavé a Manóah: –De todo o que dixen á muller, gardarase: 14de todo o que saia da vide do viño, non comerá; e non beberá viño nin bebidas fermentadas nin comerá nada impuro. Todo o que che mandei, que o garde.

15E dixo Manóah ao anxo do Señor: –Anda!, deixa que te reteñamos e que che sirvamos un cabrito.

16E dixo o anxo de Iavé a Manóah: –Aínda que me retiveses, non comería do teu manxar; mais se queres ofrecer un holocausto a Iavé, podes facelo (pois Manóah aínda non se decatara de que era un anxo de Iavé).

17E dixo Manóah ao anxo do Señor: –Como te chamas?, de xeito que te honremos cando se cumpran as túas palabras.

18E díxolle o anxo de Iavé: –A que vén iso de preguntarme polo meu nome, sendo el oculto?

19E colleu Manóah o cabrito e mais a oblación, e ofreceullos enriba da pedra a Iavé, facedor de marabillas, que contemplaron Manóah e mais a súa muller. 20E aconteceu que, ao subir a lumarada sobre o altar cara ao ceo, apareceu o anxo de Iavé na lumarada do altar; e Manóah e a súa muller, ao velo, caeron de xeonllos. 21(E xa non volveu aparecer o anxo de Iavé a Manóah e a súa muller). Entón decatouse Manóah de que era o anxo de Iavé, 22e díxolle Manóah a súa muller: –De certo imos morrer, pois vimos a Deus.

23E respondeulle súa muller: –Se quixese o Señor facernos morrer, non acollería o holocausto e a ofrenda das nosas mans, nin nos faría ver todo isto, nin nos faría escoitar tales cousas neste intre.

24E pariu a muller un neno e puxéronlle de nome Sansón; e o rapaz fíxose grande e bendiciuno Iavé. 25E o espírito do Señor comezou a movelo ás veces, no campamento de Dan, entre Sorah e Extaol.

**12**, 15 *Piratón* cae ao SO de Xequem, a uns 10 km.

**13**, 1 En Xuí **13**, 1-**16**, 31 recóllese o tocante a Sansón. O c. **13** trata da concepción e do nacemento deste heroe lendario da tribo de Dan. Coma noutras ocasións para salvar o seu pobo, válese Deus dun home nacido dunha muller estéril. Os filisteos serán inimigos de Israel por moitos anos (cf nota a **3**, 31).

**13**, 2 *Sorah* cae a 22 km ao O de Xerusalén, e a uns 6 ao N de Tímnah.

**13**, 3 O redactor deuteronomista fai toda unha escenificación da influencia de Deus na persoa de Sansón, xa antes de ser el concibido, presentándonos un relato de anunciación á muller de Manóah, e despois ao mesmo Manóah, o pai de Sansón.

**13**, 5 O nazireato é unha consagración a Deus por toda a vida, ou nun intre posterior da historia de Israel, tamén por un tempo limitado. O "nazir" ten que se abster de viño e demais bebidas alcohólicas e deixar crecer a súa cabeleira (cf **13**, 17-14). A lexislación para o "nazir" atópase escrita en Núm **6**, 1-21.

**13**, 24 Aínda que transcribimos *Sansón*, o nome hebreo é "Ximxom".

**13**, 25 Iavé está co rapaz, como estivera coa nai. O influxo de Deus, polo seu espírito, vaise deixando sentir xa cando Sansón é un neno, e será aínda máis forte conforme o "nazir" se vaia facendo mozo.

Extaol queda moi cerca de Sorah, un pouquiño máis ao N (cf nota a **13**, 2).

### Casamento de Sansón

**14** [1]E baixou Sansón a Tímnah e viu en
Tímnah unha muller das fillas dos filisteos; [2]e subiu e contóullelo a seu pai e a súa nai deste xeito: –Vin en Tímnah unha muller das fillas dos filisteos; pedídema para min e que sexa miña muller.

[3]E dixéronlle seu pai e mais a súa nai: –E logo non terás entre as fillas de teus irmáns e entre todo o teu pobo unha muller para que vaias escoller esposa entre os incircuncisos filisteos?

E respondeu Sansón a seu pai: –Pedídeme esa para min, pois é ela a que me gusta. [4](Seu pai e mais súa nai ignoraban que iso viña de Deus, que buscaba un motivo contra os filisteos, pois naquel tempo os filisteos dominaban en Israel).

[5]E baixou Sansón con seu pai e súa nai a Tímnah e chegaron ata as viñas de Tímnah e velaquí que unha cría de león saíu ruxindo ao seu encontro. [6]Daquela entrou nel o espírito de Iavé e esgazouno coma se esgaza un cabrito, e iso sen ter cousa na man; e non lle contou a seu pai nin a súa nai o que fixera. [7]E baixou e faloulle á muller; e ela gustoulle a Sansón. [8]E volveu despois dalgún tempo, para casar con ela, e apartou para ver o cadáver do león, e velaquí que había no corpo do león un enxame de abellas, e mais mel. [9]E raspiñou daquilo para a palma da man e foi andando mentres comía, e, en chegando onda seu pai e súa nai, deulles a eles e comeron; pero ocultoulles que raspiñara o mel do corpo do león.

### A adiviña de Sansón

[10]E baixou seu pai onda a muller e fixo alí Sansón unha festa, como adoitan os mozos. [11]E aconteceu que, cando o viron, colleron trinta compañeiros que estivesen con el. [12]E díxolles Sansón: –Deixádeme propoñervos unha adiviña. Se ma desvelades nos sete días da festa e acertades, dareivos trinta pezas de liño e trinta mudas de vestidos. [13]Claro que, se non sodes homes a desvelarma, darédesme vós a min trinta pezas de liño e trinta mudas de vestidos.

E dixéronlle: –Propón a túa adiviña, que a escoitamos.

[14]E díxolles:

“Do que come saíu o que se come;
e do forte saíu a dozura”

E non puideron desvelar a adiviñanza nos tres primeiros días.

[15]Mais no sétimo día, dixéronlle á muller de Sansón: –Persuade a teu home de que nos desvele a adiviña; se non prenderémosche lume a ti e á casa de teu pai. Ou é que nos chamaches para nos espoliares? E logo non?

[16]E a muller de Sansón botou a chorar diante del e dixo: –Ti soamente me tes odio, non me queres: puxéchesslles unha adiviña aos fillos do meu pobo e a min non ma desvelaches.

E respondeulle el: –Velaquí que nin a meu pai nin a miña nai llela desvelei e heicha de desvelar a ti?

[17]E ela chorou diante del os sete días que durou a festa. E aconteceu que no día sétimo lla desvelou, porque se poñía pesada, e entón ela desvelóullela aos fillos do seu pobo.

[18]E dixéronlle os homes da vila no sétimo día, antes da posta do sol:

“Que máis doce ca o mel?
E que máis forte ca o león?”.

E respondeulles: –Se non fósedes arar coa miña xovenca, tampouco dariades descuberto a miña adiviña.

[19]E entrou nel o espírito de Iavé e baixou a Axquelón; e matou a trinta deles e colleulles os seus vestidos para os que desvelaran a adiviña. E alporizouse e subiu á casa de seu pai.

[20]E a muller de Sansón foi para un seu compañeiro, o que fixera de amigo do noivo.

**14**, 1 *Tímnah* está ao S de Sorah (cf nota a **13**, 2), na fronteira de Dan con Xudá.

**14**, 4 As malas xogadas que lle van facer os filisteos ás que deu pé Sansón casando cunha filistea serán un motivo para que el actúe con aquela forza descomunal que lle deu Iavé, e libere dese xeito ao seu pobo.

**14**, 5 *Os pais de Sansón* non aceptaron endexamais ese casamento. Por iso a muller segue na casa de seus pais. Un escriba, querendo amañar as cousas, coloca os pais de Sansón indo con el a Tímnah, e o que fai é provocar unha incongruencia entre este v. por unha banda, e o v. 6b e mais o 16b pola outra. O mesmo escriba continúa facendo retoques máis adiante, tentando endereitar o que soamente tería arranxo non introducindo o que meteu no texto.

**14**, 11 Son oficialmente “os amigos do noivo”. Nos casamentos normais o banquete tense na casa do noivo, e están con el os do seu clan. Aquí os seus “amigos” son filisteos (cf vv. 16-17).

**14**, 19 O que se anuncia no v. 4 cúmprese aquí: agora, por razóns de tipo persoal, ten motivo Sansón para loitar contra os inimigos do seu pobo e diminuír así as forzas deles.

**14**, 20 O pai da moza cedeulla a un que, no banquete de vodas, facía o papel de “amigo do noivo” (cf Xn **3**, 29).

**Sansón foxe dos seus inimigos e víngase**

**15** [1]Pasado algún tempo, polos días da ceifa do trigo, foi Sansón visitar a súa muller, levando consigo un cabrito, e dixo: –Voume acaroar á miña muller no seu cuarto.

Pero o pai dela non lle consentiu entrar [2]e dixo: –Cheguei ao convencemento de que lle colleras odio e deilla ao teu amigo. Oes!, e logo súa irmá a máis nova non é máis fermosa ca ela? Cóllea para ti no sitio da outra!

[3]E dixo Sansón: –Desta vez quedarei por inocente verbo dos filisteos, aínda que lles faga mal.

[4]E foi Sansón e pillou trescentas raposas, e, collendo uns fachos, amarrou os rabos daquelas e puxo un facho no medio de cada dous rabos. [5]E prendeu lume nos fachos e botou as raposas contra os cereais dos filisteos, de xeito que queimou desde os palleiros ata as colleitas, e mesmo as vides e as oliveiras.

[6]E preguntaron os filisteos: –Quen fixo isto?

E responderon: –Sansón, o xenro do timnita, porque este colleu a muller del e deulla a un amigo.

Entón subiron os filisteos e prendéronlle lume a ela e mais a seu pai. [7]E díxolles Sansón: –Xa que fixestes dese xeito non hei parar ata que me vingue de vós.

[8]E mallou neles, por riba e por baixo, e fixo un grande estrago. Despois baixou e foise meter nunha fenda da rocha de Etam.

[9]E subiron os filisteos e acamparon en Xudá e avanzaron ata Lehí. [10]E dixeron os homes de Xudá: –Por que subistes contra nós?

E responderon eles: –Subimos para prender a Sansón e facer con el o mesmo que el fixo connosco.

[11]E baixaron tres mil homes de Xudá á fenda da rocha de Etam e dixeron a Sansón: –E logo ti non sabes que os filisteos nos dominan? Como entón nos fixeches isto?

E respondeu el: –Segundo me fixeron eles, así lles fixen eu.

[12]Daquela dixéronlle: –Baixamos para prenderte e entregarte nas mans dos filisteos.

E díxolles Sansón: –Xurádeme que non me mataredes vós mesmos.

[13]E responderon eles: –Non, senón que te amarraremos e te entregaremos nas mans deles; pero matar, non te mataremos.

E amarrárono con dúas cordas novas e subírono da rocha. [14]Cando chegou a Lehí, os filisteos foron engadados ao seu encontro; pero entrou nel o espírito de Iavé e, daquela, as cordas que levaba sobre os seus brazos foron para el coma fíos de liño cando lles prenden lume, e as correas das mans ceibáronse. [15]E atopou unha queixada de burro fresca, e, alongando a man, colleuna e derramou con ela a mil homes. [16]E dixo Sansón:

"Coa queixada dun burro,
un burro, dous burros,
coa queixada dun burro,
arreeilles a mil homes".

[17]E, cando rematou de falar, soltou a queixada da súa man e chamou a aquel lugar Ramat-Lehí.

[18]E tivo sede dabondo, e clamou polo Señor, dicindo: –Ti puxeches nas mans do teu servo esta gran vitoria. E agora vou morrer de sede, e caer nas mans dos incircuncisos?

[19]Entón Deus fendeu unha pía que había en Lehí e deitou auga dela. E bebeu, recuperou o seu ánimo e xa alentou. Daquela púxolle de nome á fonte En-Hacoré (e existe en Lehí ata o día de hoxe).

[20]E Sansón xulgou a Israel en tempos dos filisteos durante vinte anos.

**16** [1]E foi Sansón a Gaza e viu alí unha muller prostituta e achegouse a ela. [2]E déuselles a noticia aos gazatitas, dicindo: –Anda por aquí Sansón.

E fixéronlle un cerco e axexárono toda a noite á porta da vila, agardando toda a noite,

**15**, 4 Nova vinganza persoal de Sansón, que fai estragos irreparables nas leiras dos filisteos, e que provoca as represalias dos seus inimigos contra a súa muller e mais o pai dela (**15**, 6). E Sansón continuará a loita.

**15**, 8 *A rocha de Etam* queda no territorio de Xudá, preto de Lehí (cf vv. 9-14).

**15**, 16 Seguimos a lectura do texto hebreo ofrecida por Kittel como máis de fiar. Outros traducen: "Coa queixada dun burro, ben que lles arreei; coa queixada dun burro, a mil homes matei".

**15**, 17 *Ramat-Lehí* significa "outeiro da queixada".

**15**, 18 Con todo o que leva consigo de desorde a vida de Sansón, o heroe da loita contra os filisteos non esquece que foi escollido por Iavé, a quen está consagrado. Por iso, cando se atopa en apuros, acode ao seu Señor.

**15**, 19 *Lehí* significa "queixada" (cf nota a **15**, 17). O autor xoga co termo, aplicándollo ao lugar e á arma que emprega Sansón para zorregarlles aos filisteos.

"En-Hacoré" lit. significa "Fonte do que invoca", alude ao feito de deitar auga a pena cando Sansón invocou o nome de Deus para que viñese na súa axuda. A rocha que deita auga cando llo pide a Deus o seu servidor fai lembrar a fazaña de Moisés (cf Éx **17**, 6; Núm **20**, 21).

**15**, 20 Hai razóns para pensar que o primeiro redactor omitira todo o c. **16**, por parecerlle pouco edificante. Entón, puxo aquí a conclusión que se atopaba en **16**, 31. Outro redactor posterior, recolleu toda a historia de Sansón e respectou este v., aínda que xa non tiña razón de ser, pois a historia do danita continúa.

**16**, 1 *Gaza* é a vila máis importante da pentápole filistea. Está situada ao SO de Palestina cerca do mar. O nome hebreo é Azzah.

cavilando: "Ao chegar a luz da mañá, matarémolo". 3E Sansón durmiu ata a media noite, ergueuse a media noite, agarrou as follas da porta da cidade, cos dous esteos e arrincounas coa tranca; e púxoas enriba dos ombros e subiunas ao cume do monte que está por riba de Hebrón.

**Dalílah traizoa a Sansón**

4E despois disto namorouse dunha muller, no val de Sorec, que se chamaba Dalílah. 5E subiron onda ela os príncipes dos filisteos e dixéronlle: –Sedúceo e pescuda de onde lle vén a súa forza e de que xeito lle poderemos, para amarralo e sometelo. Daquela darémosche cada un de nós mil cen siclos de prata.

6E dixo Dalílah a Sansón: –Móstrame de onde che vén a túa gran forza, e con que terías que ser amarrado para domearte.

7E respondeu Sansón: –Se me amarrasen con sete nervios tenros –que non secasen aínda–, amolecería e sería coma un dos outros homes.

8E leváronlle a ela os príncipes dos filisteos sete nervios tenros que non secaran aínda, e ela amarrouno con eles. 9Había xente á espreita no seu cuarto e berroulle ela a el: –Os filisteos vanche ao lombo, Sansón!

Entón el desfixo os nervios como se desfai un fío de estopa cando se lle achega o lume e non se descubriu o segredo da súa forza.

10E díxolle Dalílah a Sansón: –Velaquí que te mofaches de min e me contaches mentiras. Agora, anda móstrame con que habería que amarrarte.

11Respondeulle el: –Se amarrar me amarrades con cordas novas, coas que non se fixo ningún traballo, amolecerei e serei coma un dos outros homes.

12E colleu Dalílah cordas novas e amarrouno con elas, e gritoulle: –Os filisteos vanche ao lombo, Sansón!, (e había xente á espreita no cuarto dela). E el crebounas sobre os brazos, coma se fosen de fío.

13E dixo Dalílah a Sansón: –Ata agora enganáchesme e contaches mentiras. Anda, móstrame con que terán que amarrarte.

E respondeulle: –Se teces os sete guedellos da miña cabeza con lizo e os fixas cos paus, amolecerei e serei coma un dos outros homes.

14E ela adormeceuno, teceu os sete guedellos da súa cabeza co lizo e fixounos cos paus, e berrou: –Os filisteos vanche ao lombo, Sansón!

Pero el espertando do sono, arrincou os fungueiros do tear e mais a urdidoira.

15E díxolle ela: –Como dis quérote, cando o teu corazón non está comigo? Van tres veces que me enganas e non me mostras de onde che vén a túa gran forza.

16E, como ela se poñía pesada coas súas queixas de todos os días e o atormentaba, ata chegar a ter anguria de morte o seu espírito, 17entón el mostroulle todo o seu corazón, dicíndolle: –Nunca subiu a navalla pola miña cabeza, pois son nazir de Deus desde o ventre da miña nai. Se fose rapado, arredaría de min a miña forza e languidecería, e sería coma un dos outros homes.

18E viu Dalílah que lle abrira todo o seu corazón e mandou chamar aos príncipes dos filisteos, dicindo: –Vide, pois desta vez abriume todo o seu corazón.

E subiron onda ela os príncipes dos filisteos e levaron con eles a prata. 19E adormeceuno á calor dela e avisou a un dos homes, que lle cortou os sete guedellos da súa cabeza. Entón comezou a enfraquecer, ata perder a forza que tiña. 20Ela berroulle: –Os filisteos vanche ao lombo, Sansón!

Entón el espertou do sono e dixo: –Sairei coma as outras veces e ceibareime, (sen saber que o Señor se arredara del).

21E apreixárono os filisteos e sacáronlle os ollos, fixérono baixar a Gaza e amarrárono con cadeas e puxérono a moer no cárcere. 22(Agora ben, o cabelo da súa cabeza comezou a medrar desde que fora rapado).

**Sansón morre matando**

23E os príncipes dos filisteos xuntáronse para ofreceren un gran sacrificio a Dagón, o seu deus, e para faceren festa. E dicían:

**16**, 3 O relato está moi amplificado. Quere deixar en ridículo aos filisteos, que, estando á espreita de Sansón, non poden impedir que se ría deles e lles leve as portas da vila. O ir con estas ao lombo deica Hebrón, a 65 km de Gaza, é un síntoma máis da imaxinación do autor.

**16**, 4 Trátase xa da terceira muller que lle cativa o corazón (cf **14**, 1ss; **16**, 1-3). *O val de Sorec* queda preto de Sorah o pobo de Sansón (cf **13**, 2), a uns 4 km ao NO.

**16**, 13 Desde "e os fixas" (v. 13) ata "co lizo" (v. 14), pertence ao texto grego, pois ao hebreo faltáballe.

**16**, 15 O texto está estragado. Ese é o motivo da diversidade de traducións.

**16**, 19 O texto orixinal di "fíxoo durmir sobre os seus xeonllos": un eufemismo para significar a unión sexual dos dous.

**16**, 20 A forza de Sansón radicaba no voto do nazireato. Este levaba consigo, entre outras cousas, non rapar os cabelos. Agora rápanllos e pasa a ser coma un home calquera, pois perde a consagración a Deus, quen lle daba aquela forza sobrehumana.

**16**, 23 *Dagón* é o deus cananeo da fertilidade. Era moi venerado polos filisteos, que lle fixeron un santuario en Axdod (cf 1 Sam **5**, 1-7; 1 Cro **10**, 10; 1 Mac **10**, 83s; **11**, 4).

–O noso deus púxonos nas mans a Sansón, o noso inimigo.
24E, ao velo o pobo, loaron ao seu deus, pois dicían: –O noso deus púxonos nas mans ao noso inimigo, o que devastaba o noso país e que aumentaba os nosos mortos.
25E, cando o corazón deles estaba contento, dixeron: –Chamade a Sansón e que nos divirta.
E chamaron a Sansón da cadea e estivo diante deles facéndoos rir. Despois situárono entre as columnas.
26E dixo Sansón ao rapaz que o levaba da man: –Sóltame e déixame reclinarme nas columnas que sosteñen o edificio, para que descanse sobre elas. 27(O edificio estaba cheo de homes e mulleres, e estaban alí todos os príncipes dos filisteos; na terraza había uns tres mil homes e mulleres presenciando os xogos de Sansón).
28E clamou Sansón polo Señor deste xeito: –Meu Señor Iavé, lémbrate de min, prégocho, e fortaléceme soamente por esta vez, oh Deus, de xeito que me vingue dos filisteos polos meus dous ollos.
29E apalpou Sansón as dúas columnas do medio, nas que se apoiaba o edificio, e fixo forza sobre elas, nunha coa man dereita e na outra coa esquerda. 30E dixo Sansón: –Morra eu cos filisteos!
E turrou con forza e caeu o edificio enriba dos príncipes e de todo o pobo que había nel. E así foron máis os que matou ao morrer dos que matara en vida.
31E baixaron seus irmáns e toda a casa de seu pai, recollérono e subiron; sepultárono entre Sorah e Extaol, na sepultura de Manóah, seu pai. Sansón fora xuíz en Israel durante vinte anos.

## PRIMEIRO APÉNDICE

### O santuario de Micah

**17** 1Había un home da serra de Efraím, chamado Micah. 2E díxolle á súa nai: –Os mil cen siclos de prata que che foran roubados –e polos que ti comezaches a botar maldicións, que incluso as dixeches nos meus oídos–, velaquí que esa prata téñoa eu, collina eu.
E dixo súa nai: –Bendito sexas de Iavé, meu fillo!
3E devolveu os mil cen siclos de prata á súa nai. E dixo ela: –Este diñeiro que me pertence, quédalle ofrecido ao Señor en favor de meu fillo, para facer un ídolo e unha imaxe fundida.
4Foi el e devolveulle a prata a súa nai. Colleu súa nai douscentos siclos de prata e deullos ao ourive, que fixo con eles unha imaxe esculpida e unha imaxe fundida, que quedaron na casa de Micah. 5E o tal Micah tiña un santuario, e fixo un *efod* e uns *terafim*, e consagrou un de seus fillos, facéndoo sacerdote. 6Naquel entón non había rei en Israel e cadaquén facía o que lle viña en gana.
7E había un mozo de Belén de Xudá, da familia de Xudá, que era levita e que vivía alí; 8e foi o home desde a cidade de Belén de Xudá, para residir onde atopase algo, e chegou á serra de Efraím, a pé da casa de Micah, namentres ía de camiño.
9E díxolle Micah: –De onde vés?
E respondeulle el: –Son un levita, de Belén de Xudá, e veño residir onde atope algo.
10Díxolle Micah: –Queda comigo, e serás para min un pai e un sacerdote, e dareiche dez siclos de prata cada ano, un xogo de vestidos e a túa mantenza.
E pareceulle ben ao levita 11e aledouse de quedar con aquel home, e foi o mozo para el como un da súa casa. 12E Micah consagrou o levita e tívoo como sacerdote, e quedou na casa de Micah. 13E dixo Micah: –Agora sei que me ha de amparar o Señor, pois teño de sacerdote este levita.

### Os danitas vanse para o Norte

**18** 1Naquel entón non había rei en Israel e a tribo de Dan buscaba un territorio

**16**, 28 Aínda que el procura a vinganza por quitárenlle os ollos, no feito de se sentir de novo consagrado a Deus acada do Señor unha axuda que vai ser significativa para liberar o seu pobo do xugo dos filisteos.
**17**, 1 Este apéndice (**17**, 1-**18**, 31) e o que lle segue (**19**,1-**21**, 25), puxéronse aquí por tratar duns feitos anteriores ao tempo da monarquía (cf **17**, 6; **18**, 1; **19**, 1; **21**, 25).
As repeticións, as distintas concepcións que aparecen e o uso indistinto dos nomes "Mikáiehu" e "Mikah" en **17**, 1-**18**, 31, fannos decatar da existencia de dous relatos paralelos. En **17**, 1-4 emprégase Mikáiehu; despois, úsase Mikah. Nós transcribiremos sempre Micah.
**17**, 5 No tocante ao "efod", cf nota a **8**, 27. O "efod" cubriría o ídolo.
Os "terafim" veñen ser amuletos (cf Xén **31**, 19).
**17**, 9 *O levita* tenta exercer o seu traballo e ter así garantidas a durmida e a manutención.
**17**, 12 *Micah* consagrou sacerdote ao levita. Exprésase isto dicindo "encheu as mans do levita". O feito de botar óleo nas mans dunha persoa é aínda hoxe símbolo de consagración.
**18**, 1 Xos **19**, 40-48 limítase a facer unha descrición dos feitos; aquí sinálanse os motivos.

onde residir, pois non lle correspondera aínda unha herdanza entre as tribos de Israel. 2E mandaron os fillos de Dan desde aló –desde Sorah e Extaol– cinco homes da súa xente, homes forzudos, para explorar o país; e chegaron á serra de Efraím, á casa de Micah, e pasaron alí a noite.

3Estando eles na casa de Micah, distinguiron a voz do mozo levita, e, achegándose alí, dixéronlle: –Quen te trouxo a ti aquí? Que estás facendo? A que te dedicas?

4Respondeulles el: –Micah fíxome isto e isto e contratoume e tenme de sacerdote.

5Entón dixéronlle eles: –Pide un oráculo a Deus e así saberemos se a viaxe que estamos facendo sairá ben.

6Díxolles o sacerdote: –Ide en paz, pois a mirada de Deus está posta no camiño que percorredes.

7E foron os cinco homes e chegaron a Laix. Viron que a xente de alí vivía confiada, ao xeito dos sidonios –tranquila e despreocupada–, sen unha institución que dominara; e que estaban lonxe dos sidonios e non tiñan trato con ninguén.

8E chegaron onda seus irmáns –a Sorah e Extaol–, e dixéronlles estes: –Que tal vos foi?

9E respondéronlles: –Adiante!: vaiamos contra eles, pois vimos o país, e velaquí que é bo dabondo. E vosoutros seguides quedos? Non sexades lacazáns para irdes tomar posesión daquel país. 10Cando vaiades, encontraredes unha xente confiada e un país folgado, que puxo o Señor nas vosas mans; un lugar no que non hai falta de nada do que hai na terra.

11E saíron de alí, da liñaxe dos danitas de Sorah e Extaol, seiscentos homes cinguidos cos aparellos da guerra; 12e subiron e acamparon en Quiriat-Iearim, en Xudá. Por iso nomearon aquel lugar *Campamento de Dan* ata o día de hoxe. Queda detrás de Quiriat-Iearim. 13E desde alí pasaron á serra de Efraím e chegaron onda a casa de Micah.

14E faláronlles a seus irmáns os cinco homes que foran explorar o país de Laix e dixéronlles: –Sabedes que nestas casas hai un *efod*, uns *terafim*, un ídolo e unha imaxe fundida? Daquela ídevos informar do que tedes que facer.

15E, deixando aquel sitio, chegaron á casa do mozo levita –a casa de Micah–, e preguntáronlle que tal lle ía. 16A todo isto, os seiscentos homes dos fillos de Dan cinguidos cos aparellos de guerra estaban firmes xunto á porta. 17E pasaron os cinco homes que foran recoñecer o país e entraron e colleron o ídolo, o *efod*, os *terafim* e a imaxe fundida, e mais o sacerdote, que estaba no limiar da porta, cos seiscentos homes cinguidos cos aparellos da guerra.

18E, entrando eles na casa de Micah, colleron o ídolo, o *efod*, os *terafim* e a imaxe fundida; díxolles o sacerdote: –Que estades a facer?

19E respondéronlle: –Cala a boca e ven connosco, teremos en ti un pai e un sacerdote. Logo paréceche mellor ser sacerdote na casa dun só home que ser sacerdote dunha tribo e dunha familia en Israel?

20Aledouse o corazón do sacerdote e colleu o *efod*, os *terafim* e mais o ídolo, e meteuse no medio da xente. 21E deron media volta e emprenderon camiño, colocando diante deles os nenos, o gando e as cousas de valor.

22Cando xa eles estaban lonxe da casa de Micah, os homes das casas veciñas da de Micah, xuntáronse e puxéronse a perseguir aos fillos de Dan. 23E chamaron polos fillos de Dan e estes viraron a cara e dixeron a Micah: –Que tes ti que vés con xente tan apegada?

24El respondeu: –Collestes os deuses que eu fixera e mais o sacerdote e largástesvos. E que vai ser de min en adiante? E aínda me preguntades que tes! Que é iso que me dixestes que tes?

25E dixéronlles os fillos de Dan: –Coidado con rechiar, non sexa que se alporicen contra vós homes de espírito revirado e perdas a túa vida e mais a da túa familia.

26E seguiron o seu camiño os fillos de Dan; e, vendo Micah que eles eran máis fortes ca el, deu media volta e foi para casa.

### A vila e o santuario de Dan

27Eles, levando o que fixera Micah e o sacerdote que tiña, chegaron a Laix –onda aquela xente tranquila e confiada–, e pasáronos polo gume da espada; e á vila prendéronlle lume. 28E non houbo quen a salvase, porque

**18**, 7 *Laix* é o mesmo ca Léxem (cf Xos **19**, 47). Era unha cidade cananea do lindeiro N de Palestina.

O texto hebreo deste v. está escuro. Por iso atópanse traducións tan diverxentes.

**18**, 12 *Quiriat-Iearim* pertence a Xudá, pero está na fronteira con Benxamín.

Xuí **13**, 25 situaba o "Campamento de Dan" "entre Sorah e Extaol". Agora dise que se lle puxo así a Quiriat-Iearim (ou máis ben ao que está por detrás da vila). Debérase a que, procedendo da parte de Sorah e Extaol (**13**, 25; **18**, 2) onde estaba o campamento de Dan, ao trasladárense e acamparen detrás de Quiriat-Iearim, póñenlle o nome do sitio que abandonaron ao novo emprazamento.

**18**, 28 Rehob queda preto de Lebo-Hamat (cf Núm **13**, 21). *O val de Bet-Rehob* podería ser a zona de Banias.

estaba lonxe de Sidón e non tiñan trato con ninguén. Estaba situada no val de Bet-Rehob. Despois reedificaron a vila e habitaron nela. 29E puxéronlle á vila o nome de Dan, por mor de Dan, seu pai, que naceu de Israel; con todo, o primeiro nome da vila fora Laix. 30E os fillos de Dan erixiron o ídolo que tiñan; e Ionatán –fillo de Guerxom, o fillo de Menaxés– e mais seus fillos, foron sacerdotes da tribo de Dan ata o día do exilio do país. 31E tiveron para eles o ídolo que fixera Micah durante todo o tempo que estivo a casa de Deus en Xiloh.

## SEGUNDO APÉNDICE

### A infamia dos de Guibah

**19** 1Naquel entón non había rei en Israel. E aconteceu que un home levita, que vivía no lindeiro da Serra de Efraím, colleu para si unha muller concubina de Belén de Xudá. 2A concubina foille infiel e liscou de onda el para a casa de seu pai, en Belén de Xudá, e estivo alí durante catro meses. 3E ergueuse o seu marido e foi detrás dela para lle falar ao corazón e facela volver, levando consigo o seu criado e unha parella de asnos; entrou na casa do pai dela, viuno o pai da moza e aledouse do encontro.

4E retívoo o seu sogro –o pai da moza– e ficou con el tres días: comeron, beberon e pasaron alí a noite. 5O cuarto día erguéronse de mañanciña e el preparouse para marchar, mais dixo o pai da moza ao seu xenro: –Conforta o teu corazón cun codelo de pan e despois partiredes.

6Daquela sentaron os dous e comeron e beberon un a carón do outro. E dixo o pai da moza ao marido: –Anímate, ho, pasa aquí a noite, e que se alede o teu corazón.

7O home incorporouse para marchar, pero, ao insistirlle o sogro, cedeu e pasou a noite alí. 8O día quinto levantouse de mañanciña para marchar, e dixo o pai da moza: –Anda, ho, conforta o teu corazón e demorade ata a caída do día.

E aínda comeron os dous. 9E dispúxose o home para marchar –el e a súa concubina e mais o criado–, e díxolle o sogro, o pai da moza: –Mira que o día vai declinando cara á escuridade. Pasade a noite aquí. Fíxate no devalar do día: pasa aquí a noite e aleda o teu corazón; e mañá madrugaredes para andar o voso camiño e irvos para o teu lar.

10Pero o home non consentiu en pasar alí a noite. Ergueuse e foi e chegou fronte a Iebús –que é Xerusalén–, levando consigo os burros aparellados e tamén a súa concubina. 11Cando estaban á altura de Iebús, ía o día moi adiantado e dixo o criado ao seu amo: –Ande, faga favor, dirixámonos a esa cidade dos iebuseos e pasemos a noite nela.

12E díxolle o seu señor: –Non, non imos ir a unha vila allea, que non é dos fillos de Israel; 13mellor será –insistiulle ao seu criado– que entremos nun deses lugares –en Guibah ou en Ramah–, e que pasemos alí a noite.

14Daquela pasaron de largo e foron adiante e púxoselles o sol cerca de Guibah de Benxamín. 15E dirixíronse alá para entrar a pasar a

**18**, 29 *Dan* era fillo de Xacob; e a este púxolle Deus de nome Israel (Xén **35**, 10).

**18**, 30 Segue habendo diversas mans no relato. Agora xa non se fala máis daquel levita: dise que o seu nome era Ionatán, e chámaselle "sacerdote" a el e mais aos seus descendentes. Nos vv. seguintes, por outra banda, dirase que o ídolo o fixera Micah.

O templo de Dan chegará ao seu cume de importancia nos días de Ieroboam I (1 Re **12**, 29; Am **8**, 14). Deixará de existir no s. VIII, nunha das invasións asirias. Ata ese momento seguirá en pé, a pesar da existencia do santuario de Xiloh (**18**, 31).

**19**, 1 Xuí **19**, 1-**21**, 25 forma o segundo e derradeiro apéndice do libro. Trata duns feitos acontecidos nos tempos da conquista da terra. O relato actual que integrou dous máis antigos é da época que segue ao desterro: está literariamente moi elaborado e os feitos reais aparecen idealizados, de cara a interpelar ao pobo, e promover unha conduta máis conforme cos criterios de Deus.

**19**, 3 *Falarlle ao corazón* equivale a tentar convencela. O "corazón" no mundo da Biblia aparece como a sé dos sentimentos, da intelixencia, do espírito e da mesma vida. Por iso nos vv. seguintes hase dicir "conforta o teu corazón", "que se alede o teu corazón", para significar coller forzas e poñerse contento, respectivamente. A expresión "falarlle ao corazón", no sentido de "chamada ao arrepentimento", estará na base da mensaxe profética de Oseas: o pobo de Israel foille infiel ao seu Deus, abandonouno para seguir a outros deuses. Daquela Deus vaino "levar ao deserto e falarlle ao corazón" (Os **2**, 16), para que, lembrándose dos tempos mozos de amor sincero e fondo, torne a querelo.

**19**, 10 O nome *Iebús* refírese, como explica o texto, a Xerusalén. Esta cidade estivo ocupada polos iebuseos ata os tempos de David (2 Sam **5**, 6-10), e dos iebuseos toma ese nome familiar (de feito a que será "cidade de David" chamábase en tempos antigos "Urusalim"; máis tarde chegarase a chamar "Ieruxaláim", nome que transcribimos por Xerusalén).

**19**, 14 *Guibah de Benxamín* (cf Xos **18**, 28; 1 Sam **13**, 2), pobo natal de Xaúl, queda 6 km ao N de Xerusalén. O seu nome actual é Tell-el-Ful.

Ramah de Benxamín (cf Xos **18**, 25) está 3 km ao N de Guibah, e 6 ao S de Betel.

**19**, 15 A hospitalidade era algo sagrado na vida de Israel. O forasteiro tiña dereito a ser acollido durante tres días, e aínda despois, en marchando, debía ser protexido. Un exemplo do normal que parecía iso dánnolo "os dous de Emaús", que lle dicían a aquel descoñecido que quedase con eles, pois xa se facía de noite (Lc **24**, 29). Aínda hoxe os pobos árabes teñen a gala a súa condición hospitalaria.

noite en Guibah e foi, e estivo na praza da vila e ninguén os acolleu na súa casa para pasar a noite.

16E velaquí que chegou un vello do seu traballo, polo serán, e o home era da serra de Efraím, forasteiro en Guibah, namentres que os veciños do lugar eran benxaminitas. 17E botou unha ollada e viu ao home viaxeiro na praza da vila. E dixo o vello: –Onde vas e de onde vés?

18E respondeulle: –Nosoutros imos de camiño desde Belén de Xudá ata o lindeiro da serra de Efraím. De alá son eu. Fun ata Belén de Xudá, agora vou para a miña casa e ninguén me acolle no seu lar. 19Levo palla e forraxe para os nosos burros e tamén levo comigo pan e viño para min, para a túa servidora e para o criado dos teus servos: non precisamos cousa ningunha.

20E dixo o vello: –Que haxa paz para ti, que de todas as túas necesidades coidarei eu; ti non pases a noite na praza.

21E levouno á súa casa e botoulles palla aos burros; lavaron os pés, comeron e beberon. 22Mentres eles aledaban os seus corazóns, velaquí que os homes da vila –homes fillos de Belial– rodeaban a casa e forcexaban na porta. E dixéronlle ao vello o dono da casa: –Bota para fóra o home que entrou na túa casa, para nos aproveitar del.

23E saíu onda eles o dono da casa e díxolles: –Non, meus irmáns, non obredes mal: xa que este home veu á miña casa, non cometades esa infamia. 24Velaquí que vos sacarei a miña filla virxe e mais a concubina del, para que as abaixedes e fagades con elas o que vos veña en gana; pero ao home este non lle fagades nin sequera un chisco de tal infamia.

25Mais non quixeron escoitalo aqueles homes. Entón agarrou o home á súa concubina e botóullela fóra; aldraxárona, abusaron dela toda a noite ata a mañá e deixárona ao abrente. 26E chegou a muller ao romper do día e caeu á porta da casa do home onde estaba o marido, ata a alborada.

27E ergueuse o seu marido pola mañá e abriu as portas da casa, saíu para continuar o seu camiño e velaquí que a muller concubina xacía derrubada á entrada da casa coas mans na soleira. 28El díxolle: –Érguete e ímonos.

Pero ela non respondeu. Entón colocouna enriba do burro, incorporouse o home e foi para a súa terra. 29Entrou na súa casa, colleu un coitelo, e, agarrando a súa concubina, tallouna en anacos cos seus ósos –en doce cachos–, e espallouna por todos os lindeiros de Israel. E deulles aos mandadeiros a orde seguinte: –Dirédeslle isto a todo home de Israel: 30"E logo aconteceu cousa semellante desde o día en que os fillos de Israel subiron da terra de Exipto ata o día de hoxe? Matinade sobre ela, cambiade impresións e pronunciádevos".

E sucedeu que todos os que a vían, dicían: "Non houbo nin se viu cousa semellante desde o día da subida dos fillos de Israel da terra de Exipto ata o día de hoxe".

### A guerra contra Benxamín

**20** 1E saíron todos os fillos de Israel, congregouse a asemblea coma un só home –desde Dan ata Beerxeba e o país de Galaad–, onda Iavé, en Mispah. 2E presentáronse os xefes de todo o pobo e todas as tribos de Israel na asemblea do pobo de Deus: catrocentos mil homes de a pé, cinguidos de espada.

3(E oíron os fillos de Benxamín que subiran os fillos de Israel a Mispah). E dixeron os fillos de Israel: –Contade como se fixo tal infamia.

4E interveu o home levita –o marido da muller asasinada–, e dixo: –Entrei eu e mais a miña concubina a Guibah de Benxamín, para pasar a noite; 5alporizáronse contra min

**19**, 18 Ao dicir "para a miña casa", seguimos a Biblia grega. O texto hebreo di "a casa de Iavé".

**19**, 22 A redacción dos vv. 22-24 é semellante á de Xén **19**, 6-8. Os homes de Guibah fan unha ruindade do xeito da de Sodoma, quebrantando a hospitalidade e tentando cometer unha aberración sexual (cf Lev **18**, 22; **20**, 13). Por iso o autor cualifícaos de "fillos de Belial", que no sentido etimolóxico equivale a dicir "insensatos", pero que adquire un sentido derivado, equivalente a "fillos do Demo".

**19**, 29 O texto ofrecido é mais longo do que aparece no hebreo. Foi refeito tendo en conta a lectura do códice Alexandrino.

**20**, 1 A linguaxe empregada é típica dos redactores posteriores ao desterro (s. VI-V) e as alusións aos límites de Israel (de Dan a Beerxeba e Galaad), denotan a transposición ao tempo dos Xuíces da confederación existente nos tempos da monarquía.

*Mispah* cae á metade de camiño entre Xerusalén e Betel, 13 km ao N de Xerusalén, dentro do lindeiro de Benxamín. Alí había un santuario (cf 1 Sam **7**, 5-12. 16).

**20**, 2 O asunto dos "miles" pode que haxa que entendelo considerándoos como "unidades militares". Serían entón catrocentos grupos de homes preparados para a loita. Tendo en conta o número de guerreiros de Dan (seiscentos, segundo **18**, 13), e tomando ese número como base, ao multiplicalo por once (número de tribos, descontada a de Benxamín), dá seis mil seiscentos. Sendo catrocentos grupos de guerreiros, cada un estaría formado por dezaseis ou dezasete homes. De todos xeitos, as baixas son imaxinarias, pois a loita das once tribos no tempo dos xuíces tamén o é. Como diciamos en **20**, 1, non hai confederación ata os tempos da monarquía.

os homes de Guibah e rodearon de noite a
casa por causa miña, tentando matarme; á
miña concubina violárona e morreu. 6E co-
llín a miña concubina, tronceina en anacos
e envieina por todo o territorio da herdanza
de Israel (pois fixeran unha infamia e unha
atrocidade en Israel). 7Xa que todos vosou-
tros sodes fillos de Israel, ofrecede aquí un
consello e unha resolución.

8E ergueuse todo o pobo de Israel coma un
só home, dicindo: –Que non marche ninguén
á súa tenda, nin lisque ninguén para o seu lar.
9E agora esta é a resolución que tomaremos
sobre Guibah: iremos contra ela, botando
sortes; 10e sacaremos dez homes por cada cen
de todas as tribos de Israel, e cen por cada
mil, e mil por cada dez mil, para collermos
fornecemento para o pobo, e facer a incur-
sión contra Guibah de Benxamín, por mor da
ruindade que fixo contra Israel.

11E congregáronse todos os de Israel con-
tra a vila, xunguidos coma un só home. 12E as
tribos de Israel mandaron homes por toda a
tribo de Benxamín, dicindo: "A que vén ese
mal que argallastes entre vós? 13Pois agora
entregádenos os homes fillos de Belial que
hai en Guibah, para que os fagamos morrer
e borremos o oprobio de Israel". Pero os
benxaminitas non quixeron escoitar a voz de
seus irmáns, os fillos de Israel.

14E xuntáronse os fillos de Benxamín pro-
cedentes das vilas, en Guibah, para saíren á
loita contra os fillos de Israel. 15E dos fillos de
Benxamín procedentes das vilas chegáronse
a contar no día aquel vinte e seis mil homes,
cinguidos de espada, descontando os veciños
de Guibah, que viñan sendo setecentos homes
escolleitos. 16Entre esa morea de xente había
setecentos homes escolleitos, zurdos, todos
eles capaces de lanzar unha pedra a un pelo
sen fallaren. 17E dos homes de Israel –descon-
tado Benxamín– chegáronse a contar catro-
centos mil homes cinguidos de espada, todos
eles guerreiros.

18Erguéronse e subiron a Betel, consul-
taron a Deus e dixeron os fillos de Israel:
–Quen de nós subirá o primeiro para a loita
contra os fillos de Benxamín?

E respondeu Iavé: –O primeiro será Xudá.

19E erguéronse os fillos de Israel pola
mañá e acamparon por riba de Guibah. 20Saíu
cada un de Israel para a loita contra Benxa-
mín e dispuxéronse en orde de batalla contra
Guibah.

21Saíron os fillos de Benxamín de Guibah
e botaron por terra no día aquel a vinte e dous
mil homes de Israel.

22Logo que se refixo o pobo de guerra de
Israel, xuntáronse para se bateren na loita no
lugar onde batallaran o primeiro día. 23E su-
biron os fillos de Israel, choraron diante de
Iavé ata o serán e consultaron o Señor, dicin-
do: –Convén presentar de novo a loita aos
fillos de Benxamín, o noso irmán?

E dixo Iavé: –Subide contra el.

24E achegáronse os fillos de Israel aos fi-
llos de Benxamín no segundo día. 25Saíu
Benxamín ao encontro deles desde Guibah,
no segundo día, e botaron por terra outra vez
a dezaoito mil homes dos fillos de Israel, to-
dos eles cinguidos de espada.

26E rubiron todos os fillos de Israel –o pobo
enteiro–, chegaron a Betel, choraron diante
do Señor, e xaxuaron aquel día ata o serán;
ofreceron holocaustos e sacrificios pacíficos
diante de Iavé.

27E consultaron os fillos de Israel a Iavé (e
estaba alí, naquel entón, a Arca da Alianza
de Deus, 28e Pinhás –o fillo de Elazar, fillo de
Aharón–, exercía diante dela naquel tempo):
–Logo deberemos saír de novo para a loita
contra os fillos de Benxamín, noso irmán, ou
renunciar?

E dixo Iavé: –Subide, que mañá vounos
poñer nas vosas mans.

29E Israel puxo emboscadas ao redor de
Guibah. 30Subiron os fillos de Israel contra os
fillos de Benxamín o terceiro día e presenta-
ron batalla a Guibah coma das outras veces.
31E saíron os fillos de Benxamín ao encontro
do pobo, arredando da vila, e comezaron a
mallar no pobo, botándoos por terra coma
as outras veces polas corredoiras que soben,
unha delas a Betel e a outra a Guibah, polo
campo (chegando a matar arredor de trinta e
dous de Israel).

32E dixeron os fillos de Benxamín: –Xa os
temos derrotados, coma da primeira vez.

**20**, 13 Cf nota a **19**, 22.
**20**, 18 *Betel* está 18 km ao N de Xerusalén, polo camiño de Xequem. Alí había un santuario, que chegaría a ser o centro de culto do Reino do Norte nos tempos de Ieroboam I (cf 1 Re **12**, 26-33; 2 Re **10**, 29).
**20**, 21 Segundo os criterios expresados na nota **20**, 2, habería que entender que os de Benxamín desmantelaron vinte e dúas unidades de Israel. Algo semellante diriamos da segunda batalla (cf **20**, 25): dezaoito unidades guerreiras.
**20**, 26 Sobre as distintas clases de sacrificios, cf nota a Xos **8**, 31.
**20**, 29 En **20**, 29-35 e **20**, 36-42a, hai dúas tradicións independentes sobre o ataque a Guibah, combinadas por un redactor. Ese é o motivo das continuas repeticións.

Pero os fillos de Israel dixeran: –Que veñan e arredarémolos da vila cara ás corredoiras.
33Erguéronse entón dos seus postos todos
os homes de Israel e presentaron batalla en
Baal-Tamar. E os da emboscada de Israel
chimpáronse fóra do seu lugar ao oeste de
Gueba. 34E chegaron en fronte de Guibah
dez mil homes escollidos de todo Israel e
intensificouse a loita; eles non se decataban
do mal que lles estaba vindo enriba. 35E Iavé
derrotou a Benxamín ante Israel e os fillos de
Israel botaron por terra no día aquel a vinte
e cinco mil cen homes de Benxamín, todos
eles cinguidos de espada. 36Viron os fillos de
Benxamín que estaban vencidos e os homes
de Israel cederon terreo, pois confiaban na
emboscada que puxeran contra Guibah. 37E
os da emboscada déronse présa para arremeteren contra Guibah; foron adiante e pasaron
a toda a vila polo gume da espada.
38(Os homes de Israel quedaran nun sinal
cos da emboscada: que estes farían subir da
vila unha columna de fume). 39Arredáronse
da loita os homes de Israel e os de Benxamín
comezaron a mallar neles, botando por terra a
uns trinta homes, pois dixeran: –De certo xa
os temos vencidos, como na primeira batalla.
40Pero velaquí o sinal: unha columna de
fume comezou a subir da vila. E ollaron os
de Benxamín para atrás, e velaquí que rubía
ata o ceo a fogueira da vila. 41Entón os homes
de Israel deron volta e quedaron estarrecidos
os homes de Benxamín, pois viron o mal que
lles viña enriba. 42E volveron as costas ante
os homes de Israel polo camiño do deserto;
pero atrapounos a loita e aos que saían das
vilas desfacíanos polo medio e medio. 43Envolveron aos de Benxamín, perseguíronos
decote e abouxáronos sen respiro ata chegar
en fronte de Guibah polo oriente. 44E caeron
dos de Benxamín dezaoito mil homes, todos
eles xente guerreira. 45E volveron as costas
os que quedaban e dirixíronse cara ao deserto, onde a rocha de Rimón, e foron atrapados
nas corredoiras cinco mil homes. Perseguíronos os israelitas ata Guidom e mataron a
dous mil deles. 46E foron todos os mortos de
Benxamín no día aquel vinte e cinco mil homes, cinguidos de espada, todos eles xente
guerreira. 47Con todo, seiscentos homes dos
que volveran as costas dirixíronse cara ao
deserto, onda a rocha de Rimón, e ficaron na
rocha de Rimón catro meses.
48Os homes de Israel volvéronse contra os
fillos de Benxamín e pasaron polo gume da
espada a totalidade da vila, comprendido o
gando e todo o que atopaban. Ademais prendíanlles lume a todas as vilas que encontraban.

### Castigo de Iabex e recuperación de Benxamín

**21** 1Os homes de Israel fixeran en Mispah
este xuramento: –Ninguén de nós dará
a súa filla como esposa a un de Benxamín.
2Chegou o pobo a Betel e estivo alí ata o
serán diante de Deus. E deron laídos e prorromperon en gran choro; 3e dixeron: –Por
que, Iavé, Deus de Israel, aconteceu isto
contra Israel, que lle falte hoxe a Israel unha
tribo?
4O día seguinte madrugou o pobo e construíron alí un altar e ofreceron holocaustos
e vítimas pacíficas. 5E dixeron os fillos de
Israel: –Quen hai de entre todas as tribos,
que non subira para a asemblea onda Iavé?
(Pois fixérase un xuramento solemne verbo
de quen non subise onda Iavé a Mispah: que
de certo había de morrer).
6E, doídos os fillos de Israel polos de
Benxamín, seus irmáns, dixeron: –Hoxe foi
arrincada de Israel unha tribo. 7Que faremos
con eles –cos restantes– para procurarlles casamento? (pois nós xuramos polo Señor non
lles dar as nosas fillas por esposas). 8E dixeron: –Quen hai de entre as tribos de Israel
que non subise onda Iavé, a Mispah?

**20**, 33 *Baal-Tamar* está no territorio de Benxamín, ao NO de Guibah.
*Ao oeste de Gueba*. Esta lectura, recollida no texto, é a que ofrecen algunhas versións gregas antigas. O texto hebreo non está claro neste caso. Gueba está 4 km ao N de Guibah.
**20**, 45 A Rocha de Rimón está 9 km ao NL de Guibah.
**21**, 2 Os homes de Israel tiñan un fondo sentido de solidariedade, que os movía a impedir que desaparecese unha das tribos. Así e todo, nos momentos da loita fixeran o xuramento de non conceder aos benxaminitas ningunha das súas fillas en casamento. Agora ben, había un pobo que non fora á loita contra Benxamín, e que, polo tanto, non estaba implicado no xuramento (Iabex de Galaad), pero que incorrera na maldición que proferiran as tribos de Israel por non colaboraren na loita. A este pobo, váiselle castigar pola ausencia, pero son perdoadas as virxes (cf Núm **31**, 17-18); e esas virxes daránselles en casamento aos benxaminitas superviventes. De todos xeitos non chegan e os mesmos de Israel daranlles a idea do rapto que levarán adiante na festa de Xiloh.
O redactor xuntou dous relatos distintos da restauración de Benxamín (**21**, 6-14 e **21**, 15-53), e fai unha composición na que aparecen como dúas solucións complementarias do mesmo problema.

Velaquí que non houbo un de Iabex-Galaad que entrase no campamento para a asemblea. [9](Pois fora contado o pobo e acontecía que non había alí ningún dos veciños de Iabex-Galaad).

[10]E mandou alá a asemblea doce mil homes guerreiros, aos que lles deron esta encomenda: –Ide e pasade polo gume da espada aos veciños de Iabex-Galaad, incluídas as mulleres e mais os nenos. [11]E isto é o que habedes de facer: poredes en cuestión a todo home e mais a toda muller que entendera de deitarse con homes.

[12]E atoparon entre os veciños de Iabex-Galaad catrocentas rapazas virxes, que non tiveran experiencia de se deitaren con homes. E leváronas ao campamento, a Xiloh (que está na terra de Canaán). [13]E toda a asemblea enviou mandadeiros aos fillos de Benxamín que estaban na rocha de Rimón e anunciáronlles a paz. [14]Daquela volveron os benxaminitas e déronlles para eles as mulleres que sobreviviran de entre as mulleres de Iabex-Galaad; pero non eran abondas para eles.

[15]E o pobo compadeceuse dos de Benxamín, pois Iavé fixera unha fenda nas tribos de Israel. [16]E dixeron os anciáns da asemblea: –Que faremos para que os restantes teñan mulleres (pois as mulleres de Benxamín foron exterminadas)?

[17]E dixeron: –Háselle dar herdanza ao resto de Benxamín, para que non desapareza unha tribo das de Israel; [18]pero nós non podemos darlles as nosas fillas como esposas (pois os fillos de Israel fixeran este xuramento: Sexa maldito quen lles dea unha muller aos de Benxamín). [19]E dixeron: –Velaquí que hai todos os anos unha festa de Iavé en Xiloh, ao norte de Betel, ao oriente do camiño que sobe de Betel a Xequem, ao sur de Lebonah. [20]E deron orde aos fillos de Benxamín, dicindo: –Ide e facede unha emboscada nas viñas. [21]Estade á espreita e, cando saian as mozas de Xiloh para danzar en roda, saídes vós de entre as viñas e pillades cada un unha muller de entre as mozas de Xiloh e ídesvos para a terra de Benxamín. [22]E cando veñan seus pais ou seus irmáns preitear contra vós, dirémoslles: Sede bos con eles, pois non puideron coller muller para cada home cando a guerra, pois non llelas destes a eles naquel entón, para non incorrerdes en culpa.

[23]Fixeron así os fillos de Benxamín e tomaron esposas, de acordo co número deles, das bailadoras que pillaran. Entón marcharon e volveron así á súa herdanza; e refixeron as vilas e habitaron nelas. [24]Daquela foron tamén os fillos de Israel a cadansúa tribo e familia e saíron de alí cada un para a súa herdanza.

[25]Naquel entón non había rei en Israel e cadaquén facía o que lle viña en gana.

**21**, 11 Algúns prefiren seguir aquí a lectura que ofrecen algúns manuscritos gregos. Nós seguimos o texto hebreo.
**21**, 12 *Xiloh* queda ao N de Betel e ao S de Lebonah. Pertence a Efraím (cf nota a Xos **18**, 1).
"Pór en cuestión" (ou "cuestionar algo"): cf notas a Xos **6**, 17. 21.
**21**, 19 Nos seus comezos esa festa do Señor era unha romaría campestre. A ela vai acudir Ana para lle pedir ao Señor descendencia (1Sam **1**, 1-28).
**21**, 22 O texto recolle a lectura dun bo número de manuscritos gregos antigos. O texto hebreo di "non collemos muller para cada home na guerra...". A guerra de que se fala aquí é a de Iabex-Galaad (cf **21**, 8-14).

# INTRODUCIÓN A RUT

## 1. Título do libro e o seu lugar no conxunto da Biblia

*O título do libro fai referencia ao personaxe principal:* Rut.

*Dentro da Biblia hebrea o libro sitúase no terceiro bloque (o dos "Escritos"). A versión grega dos LXX e mais a Vulgata latina póñeno entre os Xuíces e Samuel (na súa nomenclatura, entre os libros dos Xuíces e dos Reis).*

*Na actualidade pénsase que se debe colocar entre os "Escritos" e recoñecerlle entidade propia, non o considerando como un mero apéndice dos Xuíces.*

## 2. Tempo dos acontecementos referidos no libro

*No comezo do libro (Rut **1**, 1) indícase que os acontecementos tiveron lugar no tempo dos Xuíces; polo tanto, antes do ano 1030. Por outra banda, tendo en conta **4**, 17 e mesmo a xenealoxía final (**4**, 18-22), Rut foi a bisavoa de David, e, entón, o referido no libro acontecería na primeira metade do século XI a. C.*

## 3. Época na que se escribiu a obra

*Desde logo non antes de David, a quen se cita en **4**, 17b (e tamén na xenealoxía, pero esta non pertence ao escrito orixinal). Ademais vese no libro unha elaboración máis depurada da que se atopa nos escritos anteriores á monarquía.*

*Ao mesmo tempo, non parece tampouco que fose escrito despois do exilio, pois os costumes que describe (o "goelato", o "levirato"...) son antigos e denotan un tempo previo ao desterro. Os relatos postexílicos si que están moi elaborados, e, no tocante ao levirato, chégase mesmo a prohibir o casamento de parentes (cf Lev **18**, 16; **20**, 21), como remate dun proceso de restrición das esixencias, tal como se presenta en Dt **25**, 5-10.*

*A época máis probable parece ser a que vai do ano 950 ao 700, e seguramente poidamos concretala no século IX. Neste tempo iríase poñendo por escrito o que existía antes na tradición. A lingua do libro de Rut é a típica do período monárquico; e o estilo é semellante ao das historias cortesás (séculos X-VIII).*

## 4. Xénero literario da obra

*O libro trata da rehabilitación dunha familia á que todo lle ía mal e que se consideraba ferida por Deus. O Señor vai orientar as cousas en beneficio desa familia e preparará así o nacemento dun descendente deles, que será o rei David.*

*Ao autor non lle interesan os feitos como valor absoluto, senón só en canto están ao servizo dos camiños de Deus. Non obstante, non podemos pensar en algo irreal, senón máis ben nun drama moralizante baseado na realidade. O feito de presentar como moabita a un antepasado de David é indicio de historicidade, pois esa circunstancia non contribuía a engrandecer o rei, senón todo o contrario. Os outros sucesos referidos son verosímiles, polo que, en principio, non hai cousa que obxectar á súa historicidade.*

## 5. Teoloxía do libro de Rut

*O personaxe fundamental é Deus. El é quen parece que esquece ao seu pobo e quen se lembra del (**1**, 6). El é quen enche de amargura a Noemí (**1**, 20-21) e quen merece a loanza dela ao endereitar as cousas (**2**, 20). Nel busca amparo Rut e resulta bendita por El (**2**, 12; **4**, 13).*

*As outras persoas que entran en escena reflicten case todas a bondade de Deus: a xente do pobo recibe a Noemí (**1**, 19), e alédase despois con ela (**4**, 14-17); Boaz é un exemplo de honestidade humana e de axuda aos necesitados; Noemí ensínanos a renunciar aos propios intereses en beneficio dos demais (**1**, 8-18); e Rut é o prototipo de fidelidade a vivos e defuntos (**1**, 16-17; **2**, 11; **3**, 10-11). A terra de Israel preséntase entón como o lugar ideal de proxección da fe en Deus no amor aos irmáns, e onde Deus dá satisfacción aos anhelos da xente.*

## 6. Estrutura

6.1. *Introdución: estranxeiros na terra do Moab: (**1**, 1-5).*

6.2. *O retorno á terra de Xudá: (**1**, 6-22).*

6.3. *Rut e Boaz na seara: (**2**, 1-23).*

6.4. *Rut e Boaz na eira: (**3**, 1-18).*

6.5. *O trato ás portas da vila: (**4**, 1-12).*

6.6. *O nacemento do neno: (**4**, 13-17).*

6.7. *Apéndice: xenealoxía de David: (**4**, 18-22).*

# RUT

### Introdución: Estranxeiros na terra de Moab

**1** [1]E aconteceu polos días en que gobernaban os Xuíces, que había fame no país. Foi un home de Belén de Xudá emigrar ás chairas de Moab, coa súa muller e mais os dous fillos. [2]O nome do individuo era Elimélec, e o da muller, Noemí; e os nomes dos dous fillos, Mahlón e Quilión (efrateos, de Belén de Xudá). E chegaron ás chairas de Moab e moraron alí.

[3]Morreu Elimélec –o home de Noemí– e quedou ela cos dous fillos. [4]E procuraron para eles mulleres moabitas: o nome da primeira, Orpah, e o nome da segunda, Rut; e residiron alí arredor de dez anos. [5]Morreron tamén eles dous –Mahlón e Quilión– e quedou a muller sen os dous fillos e sen home.

### O retorno á terra de Xudá

[6]E ergueuse ela coas súas noras para volveren das chairas de Moab, pois oíu na terra chá de Moab que o Señor se lembrara do seu pobo e lles dera pan. [7]Saíu do lugar onde estivera e con ela as dúas noras; e ían de camiño para volveren á terra de Xudá.

[8]E díxolle Noemí ás dúas noras: –Andade, volvede cada unha á casa da vosa nai, e que o Señor vos trate con piedade, como fixestes vós cos finados e comigo. [9]Que o Señor vos conceda a cada unha atopardes acougo na casa do voso home.

E bicounas; elas deron laídos e romperon a chorar. [10]E dixéronlle a ela: –Nós imos contigo para a túa vila.

[11]Respondeulles Noemí: –Volvede, miñas fillas: por que teimades ir comigo? E logo hei de ter eu máis fillos nas miñas entrañas, que volos poida dar como maridos? [12]Volvede, oh, miñas fillas, ídevos, pois eu volvinme vella para coller marido; e, aínda que dixese teño aínda esperanza e conseguise marido xa esta noite, e mesmo xerase fillos, [13]logo vosoutras agardariades por eles, sen collerdes marido? Non, miñas fillas: máis tristura é a miña ca a vosa e botouma enriba a man do Señor.

[14]Laiaron e romperon a chorar outra vez. E bicou Orpah a súa sogra, pero Rut apegouse a ela. [15]E dixo Noemí: –Velaquí que a túa cuñada volveu ao seu pobo e ao seu deus: volta ti detrás da túa cuñada.

[16]Respondeu Rut: –Non me pidas que te deixe, que me arrede de onda ti, pois, a onde vaias ti, irei tamén eu, e onde te acollas, acollereime eu contigo; o teu pobo será o meu pobo e o teu Deus será o meu Deus. [17]Onde morras, alí morrerei eu e alí terán que enterrarme. Que o Señor me faga isto e engada aquilo, se non é a morte a que me arrede de ti!

[18]E viu Noemí que teimaba no de ir con ela e deixou de porfiar. [19]E foron as dúas xuntas ata que chegaron a Belén. Aconteceu que, en chegando a Belén, rebuliu toda a vila por mor delas; e dicían: –E logo non é esta Noemí?

[20]Pero ela dicíalles: –Non me chamedes Noemí: chamádeme *Marah*, porque o Omnipotente encheume de amargura. [21]Marchei chea e o Señor fíxome volver baldeira. Por que entón me chamades Noemí, se o Señor declarou contra min e carrexoume o mal o Todopoderoso?

[22]Deste xeito volveu Noemí coa súa nora Rut, a moabita, que viña das chairas de Moab. E chegaron a Belén ao comezo da seitura da cebada.

### Rut e Boaz na seara

**2** [1]Tiña Noemí un parente por parte do seu marido, un home honorable, da familia de Elimélec; e chamábase Boaz.

[2]E díxolle Rut, a moabita, a Noemí: –Déixame ir ao campo, apañar as espigas detrás daquel en quen hei de atopar benquerenza.

**1**, 1ss Os nomes teñen un sentido concreto. *Elimélec* quere dicir "meu Deus é rei". *Mahlón* significa "esterilidade" ou "enfermidade"; e *Quilión*, "debilidade" ou "fraxilidade". Efratá era un clan de Xudá, afincado na parte de Belén. Chámaselle "efrateo" a Ixaí, o pai de David (cf 1 Sam **17**, 12) e mais á filla de Caleb, descendente de Xudá (cf 1 Cro **2**, 19. 24. 50).

**1**,11 Nos vv. 11-13 Noemí está tendo en conta a "lei do levirato". A palabra "levirato" vén do latín "levir", que significa "cuñado". A realidade á que se refire é a obriga que tiña un home de casar con súa cuñada, cando seu irmán morrera sen deixar descendencia. O primoxénito que nacese do novo matrimonio considerábase fillo do defunto. A lei vén formulada en Dt **25**, 5-10, nunha das diversas formas que tivo ao longo da historia. Nestes vv. hai unha certa dependencia de Xén **38**, 8 e pode que exista tamén un interese por presentar en paralelo a Xudá e a Noemí.

**1**, 20 Empregamos o nome grego *Noemí*. No hebreo dise "Naomí" que significa "miña delicia". *Marah*, en troques, equivale a "amarga".

**1**, 22 Ese tempo caía entre os meses de abril e maio. Non obstante, o que procura o autor, máis que achegar datos cronolóxicos, é facer o enlace literario entre este c. e o seguinte.

**2**, 2 Os que tiñan terreos debían deixar algo sen recoller, á parte de non facer o rebusco, de xeito que quedase tamén para os máis indefensos. Este costume codificouse máis adiante (cf Lev **19**, 9-10; **23**, 22; Dt **24**, 19-22).

E respondeulle ela: –Vai, miña filla!
[3]Foi ela e, en chegando, púxose a esfollar no agro detrás dos seitureiros. E levouna a súa fada a unha leira do agro de Boaz (o que era da familia de Elimélec). [4]E velaquí que Boaz chegou de Belén e díxolles aos xornaleiros: –Que o Señor sexa convosco!
E respondéronlle: –Que o Señor te bendiga!
[5]E díxolle Boaz ao seu criado –o caporal dos seitureiros–: –De quen é esa moza?
[6]E respondeu o criado, o capataz dos seitureiros: –É unha moza moabita, que volveu con Noemí das chairas de Moab, [7]e dixo: "Podo esfollar e rebuscar entre as gavelas detrás dos seitureiros?". E púxose, e estivo de pé desde esa –pola mañanciña–, ata agora, sen apenas repouso: o que descansou ela na casa foi ben pouco.
[8]E díxolle Boaz a Rut: –Oes, miña filla? Non vaias esfollar a outro agro, nin tampouco saias deste; máis ben xúntate coas miñas criadas; [9]fíxate ben no agro que ceifan e vaite detrás delas, que xa lles deixo eu dito aos mozos que non che rifen. E, cando teñas sede, vai ás olas e bebe do que sacan os xornaleiros.
[10]Entón ela abateuse, prostrándose por terra, e díxolle a el: –Por que atopei benquerenza aos teus ollos, para reparares en min, sendo como son unha estranxeira?
[11]E respondeulle Boaz: –Quedoume ben claro todo o que fixeches con túa sogra despois da morte do teu home, e como deixaches a teu pai, a túa nai e a túa terra natal, para vires a un pobo que antes non coñecías. [12]Que o Señor bendiga o teu proceder e sexa completo o teu galardón da parte do Señor, Deus de Israel, xa que viñeches ampararte baixo as súas ás.
[13]E dixo ela: –Atope eu benquerenza aos teus ollos, meu señor, pois me confortaches e porque lle falaches ao corazón da túa serva, sen ser eu sequera unha das túas criadas.
[14]E, ao tempo de xantar, díxolle Boaz: –Achégate aquí e come do pan, molla o teu codelo no vinagre.
Entón ela sentou a carón dos segadores; el ofreceulle unha espiga torrada e comeu ela ata fartarse, e aínda lle sobrou. [15]Ergueuse ela para espigar e deu orde Boaz aos seus criados, dicindo: –Que recolla tamén entre as gavelas sen que lle rifedes; [16]e mesmo lle habedes deixar caer algo das gavelas e permitídelle recollelo, sen lle berrardes.
[17]Daquela apañou no campo ata o serán e degrañou o que recollera, que resultou ser coma un *efah* de cebada. [18]Ergueuno, e chegou á vila, mostroulle a súa sogra o que recollera e, deseguido, sacou e deulle o que lle sobrara da súa fartura. [19]E díxolle a sogra: –Onde apañaches hoxe e como fixeches? Bendito sexa o que reparou en ti!
E contoulle á súa sogra de quen apañara, dicindo: –O nome da persoa con quen traballei hoxe é Boaz.
[20]E díxolle Noemí á nora: –Bendito sexa do Señor, pois non esqueceu a súa piedade cos vivos nin cos mortos. E engadiu: –Ese home é o noso parente, un dos nosos goeles.
[21]E dixo Rut, a moabita: –Díxome tamén el: "Podes andar canda os meus criados, ata que rematen a miña seitura".
[22]E díxolle Noemí a Rut, a súa nora: –Mellor é, miña filla, que saias coas súas criadas, que non que che rifen noutro agro.
[23]E xuntouse coas criadas de Boaz para esfollar ata o remate da seitura da cebada e da ceifa do trigo, pero moraba onda a súa sogra.

**2**, 7 Non hai uniformidade entre os comentaristas, ao traduciren este v. Algúns deles elimínano case todo, deixando soamente a súplica de Rut, de esfollar. Outros conservan todo o texto, pero tradúceno de moi diversos xeitos.
**2**, 17 *Efah*: cf nota a Xuí **6**, 19.
**2**, 18 A preparación, así como a explicación do final deste v., atópase no remate do v. 14.
**2**, 20 O "goel" era o parente máis achegado dunha persoa. No caso de non querer ou non poder exercer a misión que lle correspondía, os dereitos e obrigas pasaban ao parente máis próximo.
O "goelato" era unha institución que tiña tres aplicacións fundamentais:
1) O "goel" era o encargado de comprar unha persoa vendida como escrava (Lev **25**, 47-49), ou unha propiedade cando o seu dono precisaba vendela (Lev **25**, 23-25; Xer **32**, 8), evitando así que caese en mans de alleos.
2) O "goel" debía casar coa viúva sen fillos, para lle dar descendencia co primeiro fillo ao defunto, de xeito que non desaparecese o nome do morto da vida da familia e do pobo (cf Xén **38**, 8; Dt **25**, 5).
3) O "goel" era o responsable de vingar o sangue, cando unha persoa fora asasinada (cf Núm **35**, 19-21).
É difícil traducir o vocábulo «goel» e mais o verbo «goelar», pois inclúen unha serie de aspectos que non se atopan todos xuntos nun termo da nosa lingua. De todos xeitos, en adiante no que respecta ao libro de Rut, traducirémolos por aqueles que reflicten o aspecto máis destacado en cada caso concreto, atendendo ao contexto. Utilizaremos, pois, os vocábulos "redentor", "rescatador", "responsable" e "protector", sabedores de que todos eles proceden, como os verbos correspondentes, da raíz "gaal" ("redimir", "rescatar"...).
**2**, 21 En orde a conciliar este v. co seguinte, saen ao paso algúns manuscritos dos LXX e mais a Vetus Latina, substituíndo "criados" por "criadas". En realidade, o autor, ao dicir "criados", refírese a eles e mais a elas. Noemí, en troques (**2**, 22), pensa nelas.
**2**, 23 O remate deste v. fai de enlace co c. seguinte, especialmente cos vv. 4-14.

### Rut e Boaz na eira

**3** [1]E díxolle Noemí, a sogra: –Miña filla! E logo non che hei de buscar un porvir que te faga feliz? [2]E non é Boaz, o das criadas coas que estiveches, o noso parente? Velaquí que esta noite vai aventar as moreas da cebada na eira. [3]Así que lávate ben e únxete, viste o manto, baixa á eira e non te deixes albiscar ata que el remate de comer; [4]e, cando el se deite e ti saibas o lugar onde xace, vas e destápaslle os pés, e déitaste; e xa che mostrará el o que tes que facer.

[5]E respondeulle ela: –Todo o que me dixeches, heino facer.

[6]E baixou á eira e fixo tal como lle mandara a sogra. [7]Comeu Boaz e bebeu, aledou o seu corazón e foise deitar a carón da morea de gran. E chegou ela ás caladiñas, descubriulle os pés e deitouse. [8]E aconteceu arredor da media noite que o home arrefría; e, ao virarse, apercibiuse de que había unha muller deitada aos seus pés. [9]E dixo el: –Quen es ti?

Respondeulle ela: –Son Rut, a túa serva: estende as túas ás sobre a túa serva, pois es o seu redentor.

[10]E el exclamou: –Bendita sexas do Señor, miña filla!: este teu novo acto de piedade foi aínda mellor ca o primeiro, pois non fuches detrás dos mozos (xa fosen pobres ou ricos). [11]E agora, miña filla, non teñas medo: fareiche todo o que me digas, pois ben coñece toda a veciñanza que es unha muller facendosa. [12]Agora ben, é certo que eu son o teu redentor; pero tamén é verdade que hai un redentor máis achegado ca min. [13]Ti deixa pasar esta noite, e pola mañá, se lle parece ben ser o teu rescatador, que sexa; e, se non gusta de ser o teu protector, vive Deus que o hei ser eu. Ti déitate ata a mañá.

[14]E estivo deitada aos seus pés ata a mañá. El ergueuse antes de que un puidese recoñecer ao seu veciño, pois pensaba: Que non se saiba que esta muller veu á eira! [15]E dixo: –Achégame o manto que levas enriba, prémeo ben, e terma del.

E mantívoo ela, el mediulle seis *efah* de cebada e ergueullos, e foi para a vila. [16]Chegou ela onda a sogra, quen lle preguntou: –Como che foi, miña filla?

E contoulle todo o que aquel home fixera por ela. [17]E engadiu: –Deume eses seis *efah* de cebada, pois dixo: "Non chegarás sen nada onda a túa sogra".

[18]E díxolle Noemí: –Fica tranquila, miña filla, ata que coñezas como acaba o asunto, pois ese home non acougará se non o remata hoxe.

### O trato ás portas da vila

**4** [1]Boaz subiu á porta da vila e sentou alí. Velaquí que pasaba o rescatador do que falara Boaz; e díxolle este: –Oes, fulano! Fai favor, ven para acó e senta.

E foi el e sentou. [2]E colleu Boaz a dez homes de entre os anciáns da vila e dixo: –Sentade aquí.

E sentaron. [3]E díxolle ao redentor: –Noemí, que volveu da chaira de Moab, puxo en venda a leira que era de noso irmán Elimélec. [4]E eu resolvín: teño que llo facer saber...! Daquela dígoche: Mércaa, diante dos veciños e diante dos anciáns do meu pobo, se queres de verdade facer de redentor. E se non vas facer de rescatador, dimo, pois seica non hai antes ca ti outro responsable, e eu son o que te segue.

E díxolle o outro: –Redimo eu.

[5]E proseguiu Boaz: –No día en que compres a leira das mans de Noemí, conseguirás tamén a Rut, a moabita –muller do finado–, para facer rexurdir o nome do morto na súa herdanza.

3, 4 Noemí procura facer atraente a Rut, para que consiga o casamento con Boaz. O modo de proceder non parece o máis axeitado; pero a preocupación por lle dar descendencia a seu fillo e a seu home, como tamén buscarlle á nora unha "colocación" que a faga feliz, móvena a actuar así. Rut, que aparece ao longo do libro como unha muller virtuosa, déitase aos pés de Boaz, despois de destapalo, á espreita de que o frío da noite o esperte e concerten o casamento.

**3**, 9 O "estender as ás sobre un" indica "protección" (cf Dt **32**, 11; Rut **2**, 12; Sal **17**, 8; **57**, 2; **91**, 4). Na sociedade hebrea daqueles tempos as mulleres dependían sempre de alguén, fose este seu pai, ou seu marido, ou mesmo algún dos irmáns. Neste caso Rut dille a Boaz que é o seu protector, o que ten que coidar dela, dando a entender que debe casar con ela (cf Ez **16**, 8).

Algúns tradutores poñen "estende sobre min o bordo do teu manto". O sentido é o mesmo que "estende sobre min as túas ás", como o é a mesma a expresión hebrea que intentan traducir.

**3**, 10 O primeiro acto de piedade fora o non arredarse da sogra. Este último consiste en escoller un home xa maduro, pensando en darlle descendencia a Mahlón e a Elimélec, mentres que, se elixise un mozo, este reivindicaría como propios os nenos que xerase.

**3**, 13 Ver **2**, 20 nota.

**3**, 15 No tocante ao efah, ver Xuí **6**, 19 nota.

**3**, 18 Como nos dous cc. anteriores, o derradeiro v. quere facer de enlace co que se vai dicir no c. seguinte.

**4**, 1 As portas da vila era onde se arranxaban todos os negocios públicos.

**4**, 3 No mundo da Biblia, "irmán" é calquera parente (cf Xén **14**, 14. 16; **24**, 27; Lev **10**, 4; 2 Sam **3**, 8), e mesmo un membro calquera da tribo (Núm **8**, 26; Dt **18**, 7).

6E dixo o rescatador: –Non me é posible
facer de protector sen danar a miña herdanza: que pase a ti a prioridade e ti redimirás,
pois a min non me é doado redimir. 7(E este
era antes o costume en Israel, no tocante á
institución do redentor e ás permutas, para
testemuñar calquera feito: o home quitaba o
seu zapato e dáballo ao veciño; e isto servía
de norma en Israel).
8E díxolle o responsable a Boaz: –Cómpraa ti.

E quitou o zapato. 9Daquela dirixiuse Boaz
aos anciáns e a todo o pobo deste xeito: –Vós
sodes hoxe as testemuñas de que compro das
mans de Noemí todo o que era de Elimélec,
e todo o de Quilión e de Mahlón. 10E tamén
adquiro para min como muller a Rut, a moabita, a muller de Mahlón, para facer rexurdir
o nome do finado na súa herdanza, e que así
non desapareza de entre os seus irmáns nin
das portas do seu lugar. Vós quedades hoxe
de testemuñas.
11E todo o pobo que estaba á porta e mais
os anciáns, dixeron: –Testemuñas somos!
Que o Señor faga á muller que entre na túa
casa semellante a Raquel e mais a Lea, que
edificaron elas dúas a casa de Israel!
Cobra forza en Efratah,
acada renome en Belén!
12E, pola descendencia
que o Señor che dea desa moza,
sexa a túa casa coma a casa de Peres,
o que lle xerou Tamar a Xudá.

### O nacemento do neno

13Colleu Boaz a Rut e foi a súa esposa;
uniuse a ela, deulle a ela o Señor a preñez
e pariu un fillo. 14E dicíanlle as mulleres
a Noemí: –Loado sexa o Señor, que non
deixou que che faltase hoxe un protector!
Que o seu nome sexa proclamado en Israel!
15El será para ti quen che volva o alento e
será o sustento da túa vellez, pois pariuno a
túa nora, que tanto te quere, e que é para ti
mellor ca sete fillos.
16E colleu Noemí o neno, púxoo no colo, e
fíxolle de neneira. 17As veciñas dábanse parabéns e dicían: –Naceulle un neno a Noemí.

E chamáronlle Obed. El foi o pai de Ixaí,
pai de David.

### Apéndice: Xenealoxía de David

18Estas son as xeracións de Peres:

Peres xerou a Hesrón; 19e Hesrón xerou a
Ram, e Ram xerou a Aminadab; 20e Aminadab
xerou a Nahxón, e Nahxón xerou a Salmah; 21e
Salmah xerou a Boaz, e Boaz xerou a Obed; 22e
Obed xerou a Ixaí, e Ixaí xerou a David.

**4**, 6 Vese que o home que tiña a prioridade era casado, e non lle parecía ben gastar uns cartos que deberían ser dos seus fillos, comprando unha leira que ía ser para quen nacese de Rut. E non só iso, senón que sería unha persoa máis á hora de facer as partillas. Dese xeito a situación do home resultaba comprometida.
**4**, 8 A versión grega dos LXX e mais a Vetus Latina engaden "e deullo". Queren así completar o que lles parecía pouco explícito: o que cede o dereito dálle o zapato ao outro, como peñor. A normativa de Dt **25**, 5-10 é un pouco diferente, pois ao longo da historia fixéronse modificacións (cf nota a **1**, 11).
**4**, 12 Cf Xén **38**, 1-30.
**4**, 13 O neno pertence a Mahlón, por mor da lei do leviratо (cf **4**, 5). Así chégase a dicir que é de Noemí, a nai de Mahlón (cf **4**, 17). Con todo o autor da xenealoxía considérao fillo de Boaz.
**4**, 17 No v. 17a traducimos *dábanse parabéns*, seguindo as versións latinas. O texto hebreo di "puxéronlle nome". Co v. 17 rematábase o Libro de Rut. Os vv. 18-21, recollen a xenealoxía de 1 Cro **2**, 5-15.
**4**, 21 O texto hebreo di "Salmón" pero, como se trata da mesma persoa do v. 20, poñemos *Salmah*.

# INTRODUCIÓN AOS LIBROS DE SAMUEL

**1. O título**

*O título destes libros débese á súa atribución, na tradición xudía, ao profeta Samuel. Esa tradición fúndase no texto de I Crónicas (1 Cro **29**, 29s), onde se di que os feitos de David foron escritos nos anais do vidente Samuel, do profeta Natán e do vidente Gad. O nome recolle, ademais, a parte que tivo Samuel na historia contada, mesmo se houbo outros protagonistas de máis corpo. Lonxe de todo iso, os libros non son obra dunha man nin dunha época.*

**2. A división**

*O reparto en dous libros, foi cousa dos tradutores gregos dos Setenta, que lles chamaron primeiro e segundo dos Reinos (os libros dos Reis son para eles terceiro e cuarto dos Reinos). Esa división pasou a outras traducións e, no século XV, entrou tamén no texto hebreo. O criterio da división sería a morte do protagonista, co que remata tamén o Deuteronomio e Xosué.*

**3. O contido**

*Ten como grandes protagonistas a Samuel, Xaúl e David. Eses nomes responden da orixe e da consolidación da monarquía israelita, nos séculos XI e X a . C. O tema vincúlase, cara atrás, co libro dos Xuíces ("Daquela non había rei en Israel...": Xuí **17**, 6), e cara adiante co dos Reis. O tema de Samuel entra no I Reis (1 Re **1-2**), onde remata a historia de David.*

**4. A estrutura**

*Os conxuntos que forman os libros, suxiren a división de cada un deles en tres partes.*

4.1. *I Samuel:*

*-Parte I, (cc.**1**-7). Empeza coa historia da infancia de Samuel (cc. **1-3**), segue cos vaivéns da Arca, levada á guerra filistea (cc. **4-6**), e remata coa vitoria de Samuel sobre os filisteos (c. 7). Como xuíz, Samuel sinala o tránsito da xudicatura á monarquía.*

*-Parte II, (cc. **8-15**). Trata das relacións de Samuel e Xaúl: a unción de Xaúl por rei (cc. **8-11**), a despedida de Samuel (c. **12**), as sucesivas guerras de Xaúl (cc. **13-14**) e a súa condena polo profeta (c. **15**).*

*-Parte III, (cc. **16-31**): Trata de Xaúl e David, sendo este o centro da historia. Interésalle a unción de David e a súa entrada no palacio de Xaúl (c. **16**), a loita con Goliat (c. **17**), as relacións de David con Xaúl e cos seus fillos Ionatán e Micol (cc. **18-20**), a vida errante de David (cc. **21-27**), a consulta de Xaúl á muller de Endor (c. **28**), a vida de David polo sur (cc. **29-30**) e a morte de Xaúl e dos seus fillos en Guilboa (c. **31**).*

4.2. *II Samuel:*

*-Parte I, (cc. **1-8**): Trata da subida de David ao trono de Xudá e de Israel, con estes varios momentos: elexía de David por Xaúl e Ionatán (c. **1**), unción como rei de Xudá (cc. **2-4**) e como rei de Israel, despois de Ixbóxet (c. **5**), traída da Arca a Xerusalén (c. **6**), profecía de Natán (c. 7), guerras vitoriosas e lista de funcionarios de David (c. **8**).*

*-Parte II, (cc. **9-20**): Trata do comezo do reinado de David, refire o arranxo cos descendentes de Xaúl (c. **9**), a guerra cos amonitas e dentro dela a historia de David e Batxeba (cc. **10-12**), a revolta de Abxalom e a fuxida de David (cc. **13-18**), o retorno de David e o conflito co reino do Norte (c. **19**), que remata coa sedición de Xeba (c. **20**).*

*-Parte III, (cc. **21-24**): Ofrece seis anexos: a vinganza dos gabaonitas (**21**,1-14), fazañas de David e dos seus heroes (**21**, 15-22), salmo real (c. **22**), derradeiras palabras de David (**23**, 1-7), heroes de David (**23**, 9-39), e, finalmente, o censo e a peste (c. **24**).*

**5. Composición do texto**

*Esta historia, tan variada, está lonxe de ser feita de seguido. Polo contrario, a obra é complexa e de longo nacer.*

*Chama axiña a atención a diferenza de estilos e de valoracións, a diversidade de tendencias e de puntos de vista, as rupturas no texto, as contradicións e, sobre todo, as repeticións. En concreto no libro primeiro atópanse moitos relatos duplicados e mesmo algúns triplicados.*

*Hai dous anuncios da desgraza do sacerdocio dos elidas (1 Sam **2**, 27-36; **3**, 11-14), dúas versións da orixe da monarquía (por un lado **9**, 1-**10**, 16; **11**; e por outro **8**; **10**, 17-27; **12**), tres veces a unción ou a coroación de Xaúl (**10**, 1s; **11**, 15; **10**, 24); Xaúl é por dúas veces rexeitado (**13**, 10ss; **15**, 10ss); hai dúas entradas de David na corte de Xaúl, unha como rapaz que toca a arpa (c. **16**) e outra polo combate con Goliat (c. **17**); o pacto*

*de David con Ionatán aparece por tres veces (**18**, 3; **20**, 17; **23**, 18) e hai dúas fuxidas de David (**19**, 11s; **20**, 42); David ten por dúas veces nas súas mans a Xaúl (**24**, 5ss; **26**, 7ss) e por dúas veces busca refuxio onda Aquix de Gat (**21**, 11ss; **27**, 1ss); Goliat, segundo unha versión, morreu pola man de David; segundo outra, pola de Elhanán (**21**, 19).*

## 6. Xénero literario

*Os materiais de que están feitos os libros son de carácter moi diverso. Hai entre eles relatos populares, documentos da corte real e, de vez en cando, poemas. Postos por orde de antigüidade e tamén en secuencia lóxica, o primeiro é o tema da Arca, despois os recordos de Xaúl, logo a subida de David e, rematando o conxunto, a historia da sucesión.*

6.1. *A historia da infancia de Samuel ao comezo da obra (cc. **1-3**) non ten, de feito, continuidade na historia da Arca que lle segue; vincúlase con ela pola relación do neno Samuel co sacerdocio elida de Xiloh, onde estaba a Arca. A infancia de Samuel é, seguramente, a parte máis recente de todo o conxunto.*

6.2. *O tema da Arca (cc. **4-6**) é un bo indicador da situación dese momento, caracterizado pola ameaza e polo perigo filisteo. Unha parte desa historia é predavídica (a caída da Arca nas mans dos filisteos); pero na outra entra David (o retorno da Arca e a súa traída a Xerusalén, 2 Sam **6**).*

6.3. *A historia de Xaúl componse dun puñado de anécdotas, referentes á súa unción e coroación, ás súas guerras vitoriosas e á súa derrota final e morte na loita cos filisteos (cc. **9-10**; **11**; **13-14**; **31**). Correspóndese coa situación do perigo filisteo, reflectido na historia da Arca.*

6.4. *A subida de David ao trono de Xudá e de Israel é outro tema de por si. Esténdese desde 1 Sam **16** ata 2 Sam **5**, amais de 2 Sam **8**, 1-15. A figura do futuro rei vaise aí pouco a pouco sobrepondo á de Xaúl. A imaxe de Xaúl aparece ennegrecida, pola parcialidade da historiografía en favor de David.*

6.5. *No capítulo da profecía de Natán (2 Sam 7) aparece, primeiro, o tema do templo; pero logo sobrepónselle o da elección de David, para acabar introducíndose o da lexitimación de Salomón.*

6.6. *A historia da sucesión (2 Sam **9-20**; 1 Re **1-2**) preséntase como unha das páxinas mellores da historiografía bíblica. É un bo documento sobre as loitas dos fillos de David, Amnón, Abxalom, Adonías e Salomón, polo trono do pai.*

*A formación dos libros de Samuel segue sendo un tema difícil: pouco se pode dicir con seguridade da historia dos libros. Quen fixo a recollida deses materiais?; fíxose en varios momentos, ou todo dunha vez?*

*Quizais houbera, antes da obra deuteronomista, ao final do século VIII, un libro de Samuel, que recollía ese diverso material, pero que xa o enfocaba desde o punto de vista dunha nación asentada, coma a do tempo de David, e desde unha ben definida conciencia relixiosa.*

*Debeu servir de punto de partida a historia da sucesión, o complexo máis consistente no conxunto. A iso uniríaselle logo, como complemento natural, o tema das relacións de David con Xaúl. Este traía detrás de si a historia da Arca e a de Samuel. Logo chegaron os outros complementos.*

*Os libros, na forma actual, forman parte da historia deuteronomista.*

## 7. O seu valor histórico

*Non é constante, se non que difire sensiblemente dunhas partes a outras. Ben entendido que non ten nada que ver coas tradicións que desenvolven os temas do credo histórico. Agora a historia baséase en documentos e en recordos de feitos, mesmo se a lenda os modifica. As mellores páxinas son as que se refiren a David; as menos históricas, as que se refiren a Samuel, que presenta nelas varias caras, como vidente, profeta e xuíz. Na historia da sucesión temos o informe verídico dos feitos e da impresión que causaron no seu tempo. A historia da subida de David, en particular no que se refire ás súas relacións con Xaúl, ten carácter máis popular e de lenda heroica. E iso vale tamén da historia de Xaúl, un personaxe flutuante entre o carisma e a institución.*

*A cronoloxía aproximada dos dous reis é a de 1030-1011 para Xaúl, e 1011-970 para David. Queda ben reflectida como histórica a grave situación das tribos israelitas fronte a ameaza dos inimigos. Estaba pedindo a berros o paso á monarquía.*

*A dobre versión da orixe da monarquía, tanto a favorable coma a crítica, reflicte diversas correntes igualmente reais. O carácter sagrado da institución está ben reflectido, primeiro polo rol de Samuel unxindo os dous reis, e logo por outras mostras, coma a dos miramentos de David con Xaúl. Pero do reinado mesmo de Xaúl e do de David, fóra dunha manchea de datos sobre campañas militares e unhas listas de funcionarios da administración, temos poucos informes.*

## 8. O seu valor relixioso

*Está no retrato moral e relixioso que os libros de Samuel nos dan do momento histórico. A obra mesma parece por momentos unha historia profana. Pero discretamente, expresa sempre a dimensión transcendente dos feitos referidos. Concédelle o seu lugar á causalidade intrahistórica. Pero un toque aquí e outro alá poñen toda a historia en clave relixiosa. Toques deses pódense ver, como exemplo, en 1 Sam* ***14****, 45;* ***17****, 37; 2 Sam* ***5****, 10;* ***15****, 25s.*

*Os materiais que teñen carácter máis documental reflicten o punto de vista nacional e o pensamento da corte. Pero as partes proféticas son moito máis densas e explicitamente relixiosas. Na obra pódese atopar unha sorte de teoloxía básica das institucións máis importantes: a nación, a monarquía, o templo, o sacerdocio, o profetismo.*

*En particular está á vista o significado do rei na historia sagrada. A profecía de Natán ofrece as bases do mesianismo real, cousa ben distinta da dos outros pobos do Oriente. A Biblia non pon o acento na natureza do rei, senón na súa elección e nas súas funcións. A filiación divina do rei está na liña do carisma, un don de Deus consistente na doazón do seu espírito, significada pola unción. O rei é o unxido de Iavé.*

## 9. O texto

*O texto masorético (TM) difire moitas veces da tradución dos LXX. Esta versión debeu dispor dun mellor texto hebreo ca o que nós coñecemos. Os fragmentos dos libros de Samuel que se encontraron en Qumrân, están máis cerca dos LXX ca do TM e, por veces, presentan mellor texto ca o das dúas devanditas tradicións. Na presente tradución seguimos, con todo, por principio, o texto masorético, completado en casos extremos e aclarado coa axuda dos LXX.*

# LIBRO PRIMEIRO DE SAMUEL

## I. SAMUEL EN XILOH
## ELÍ E SAMUEL

### Un neno pedido e concedido

**1** [1]Había un home de Ramataim, un sufita da
montaña de Efraím, que se chamaba Elcanah, fillo de Ieroham, fillo de Elihú, fillo de Tohu, fillo de Suf, efrateo. [2]Tiña dúas mulleres, unha chamada Ana e a outra Peninah. Peninah tivera fillos, mais Ana non tiña ningún.

[3]O home adoitaba subir, ano tras ano, desde a súa cidade, para adorar o Señor dos exércitos e ofrecerlle un sacrificio en Xiloh, onde estaban de sacerdotes do Señor os dous fillos de Elí, Hofní e Pinhás.

[4]Chegado o momento da oferta do sacrificio, Elcanah dáballe a Peninah as correspondentes racións, para ela e para cada un dos seus fillos e das súas fillas; [5]pero a Ana dáballe só unha ración, pois, por máis que a quería, o Señor fixéraa estéril. [6]Peninah asañábase con Ana e facíaa padecer, porque o Señor a fixera estéril. [7]E iso pasaba ano tras ano. Cada vez que subían ao santuario do Señor, Peninah asañábase con ela e ela choraba e non comía.

[8]Unha vez preguntoulle Elcanah, o seu home: –Por que choras, Ana, e non comes? Por que estás aflita? Seica non vallo eu para ti máis ca dez fillos?

[9]Pero Ana, despois de comeren e beberen, alí en Xiloh, ergueuse e, mentres o sacerdote Elí estaba sentado na cadeira, á entrada do santuario do Señor, [10]ela, coa alma chea de tristura, rezáballe ao Señor, chorando a todo chorar.

[11]Daquela fixo este voto: –Señor dos exércitos, se te fixas no acoramento da túa serva e lle dás un filliño, eu cedereillo ao Señor por todos os días da súa vida e a navalla non tocará na súa cabeza.

[12]Mentres ela abundaba nos seus rezos, diante do Señor, Elí observaba a súa boca. [13]Como Ana falaba para si, movendo os beizos, pero sen que se oíse a súa voz, Elí pensou que estaba bébeda. [14]E faloulle: –Canto che vai durar a borracheira? Bota ese viño fóra.

[15]Pero Ana respondeulle: –Non é iso, señor. Eu son unha muller que está aflita. Non bebín viño nin cervexa. Estábame desafogando diante do Señor. [16]Non tomes a túa serva por unha desvergoñada. Se falaba dese xeito, era pola moita dor e polas coitas.

[17]Entón díxolle Elí: –Vaite en paz, e que o Deus de Israel che conceda o que lle pediches.

[18]E ela respondeulle: –Que a túa serva poida contar coa túa aprobación.

A muller marchou e comeu, e non parecía xa a mesma. [19]Pola mañá erguéronse cedo e foron prostrarse diante do Señor. Despois puxéronse de volta e chegaron a Ramah, á súa casa. Elcanah achegouse a Ana, a súa muller, e o Señor acordouse dela. [20]Ana xerou e logo pariu un fillo, a quen lle puxo o nome de Samuel, porque llo pedira ao Señor.

**1-3** Historia da infancia de Samuel, coma as de Isaac e Sansón. Un neno pedido e concedido a unha muller estéril, na que se senten atendidos todos os pobres de Iavé. Iso é o que celebra o canto de Ana. Consagrado ao Señor en Xiloh, Samuel pon en claro a decadencia do sacerdocio dos elidas. Pero o "pequeno levita" acaba aparecendo, máis ben, como profeta. A infancia está reconstruída á luz do que significou Samuel para a súa posteridade.

**1**, 1 O nacemento de Samuel ponse no marco de dúas peregrinacións ao santuario central de Xiloh. O pobo nese momento precisaba dun home de Deus, e tívoo en Samuel.

*Ramatáim*, tamén Ramah (v. 19), a Arimatea do N. T. A xenealoxía de Samuel ata a quinta xeración mostra a importancia que se lle recoñece á súa persoa.

**1**, 2 O drama da maternidade, factor da loita entre dúas mulleres, coma na historia de Abraham (Xén **16**) e na de Xacob (Xén **30**).

**1**, 3 O título *Señor dos exércitos* expresa o poder de Deus, dado a coñecer polos homes de Israel, e logo tamén polos astros e, finalmente, polos espíritos. *Xiloh*, no tempo dos Xuíces, santuario central, onde estaba a Arca da Alianza; destruído seguramente polos filisteos (1 Sam **4**; Xer **7**, 12), tiña sacerdocio levítico, posto ao seu servizo por acordo das tribos. A peregrinación coincidía, ao parecer, coa festa anual das Tendas.

**1**, 6 A esterilidade, por un lado, e o poder de dar a vida, polo outro, son feitos onde se ve a acción de Deus, castigando ou bendicindo. É o tema central do capítulo. Samuel, unha vida de regalo, concedida á súplica.

**1**, 11 O *voto* de Ana é un elemento da loita polo fillo. Se Deus llo concede, ela cederallo ao Señor, como se facía cos primoxénitos; pero ela renunciará a rescatalo (Éx **13**, 11-16). Samuel é un "nazir", un consagrado, coma Sansón (Xuí **13**, 3-5; **16**, 17). Sobre o nazireato, Núm **6**, 1-21.

**1**, 12 Ao mover os beizos en voz baixa, cando normalmente se rezaba en alto, Elí non se decata de que Ana está desafogándose diante do Señor.

**1**, 15s Fronte á palabra do sacerdote, Ana revela o que se move dentro do seu espírito.

**1**, 20 O nome de *Samuel* alude a que Deus escoitou as súplicas de Ana, que era estéril.

Á volta dun ano, [21]o seu home Elcanah subiu con toda a familia ofrecer o sacrificio anual e cumprir a promesa. [22]Pero Ana non subiu, aclarándolle ao seu home: –Deixa que destete o neno. Entón levareino, presentareillo ao Señor, e que quede alí para sempre.

[23]O seu home Elcanah respondeulle: –Fai como che pareza ben. Agarda, pois, a destetalo. E que o Señor apoie a túa promesa.

Ana quedou na súa casa, criando o seu fillo, ata que o destetou. [24]Chegado ese momento, Ana subiu con el a Xiloh, ao santuario do Señor, levando consigo un becerro de tres anos, unha fanega de fariña e un pelello de viño. [25]Sacrificado o becerro, Ana presentoulle o neno a Elí, dicindo: [26]–Co teu permiso, señor. Pola túa vida, eu son aquela muller que estivo aquí, diante de ti, rezándolle ao Señor. [27]Pedíalle este neno e o Señor concedeume o favor que lle pedía. [28]Agora son eu quen llo cedo ao Señor para mentres viva. Será un consagrado ao Señor.

Despois diso adoraron o Señor.

### Cántico de Ana

**2** [1]Ana dixo daquela esta oración:

O meu corazón alégrase no Señor,
érgome forte no meu Deus;
a miña boca rise dos meus inimigos,
porque celebro a túa salvación.
[2]Non hai santo coma o Señor,
non hai rocha coma o noso Deus.
[3]Non botedes discursos altivos,
non saia arrogancia da vosa boca.
O Señor é un Deus ben sabedor,
el é quen pesa as accións.
[4]Os arcos dos fortes sofren quebra,
os febles énchense de valor;
[5]os fartos contrátanse polo pan,
mentres que os famentos descansan;
a que antes era estéril,
dá a luz sete veces;
a que antes se enchía de fillos,
agora vese baldeira.
[6]O Señor dá a morte e a vida,
afunde no abismo e saca de alí.
[7]O Señor enriquece e desposúe,
humilla e tamén engrandece.
[8]El ergue da lama o humilde
e tira o pobre da esterqueira,
para o sentar entre os príncipes
coma herdeiro dun trono de gloria;
pois do Señor son os alicerces da terra
e sobre eles asentou o universo.
[9]El garda os pasos dos seus amigos
e afunde os malvados nas tebras,
que non é pola forza
como o home se impón.
[10]O Señor desbarata a quen se lle opón,
o Altísimo atrona desde o ceo.
O Señor xulga os confíns da terra,
enche de vigor o seu rei,
afirma no poder o seu unxido.

[11]Elcanah retornou para a súa casa de Ramah e o neno quedou ao servizo do Señor, ás ordes do sacerdote Elí.

### Samuel e os sacerdotes elidas

[12]Os fillos de Elí eran xente de pouco valer. Non respectaban o Señor [13]nin a súa obriga de sacerdotes do seu pobo. Cando alguén ofrecía un sacrificio, mentres a carne cocía, viña o criado do sacerdote, co garfo de tres dentes na súa man, [14]espetábao no caldeiro, na cazola, no pote ou na tarteira, e todo o que a forca sacaba, leváballo ao sacerdote. Iso era o que facían con todos os israelitas que chegaban a Xiloh. [15]Aínda co lardo sen queimar, viña o criado do sacerdote e dicíalle a quen ofrecía o sacrificio: "Dáme a carne para o asado do sacerdote. El non che admitirá carne cocida, senón crúa". [16]Se o home lle dicía: "Hai que queimar primeiro o lardo; despois colle o que se che antolle"; el respondíalle: "Non, dáma agora; se non, collereina pola forza". [17]O pecado daqueles criados era grave aos ollos do Señor, porque a xente aborrecía as ofrendas do Señor.

[18]O pequeno Samuel, pola súa parte, estaba ao servizo do Señor, cinguido cunha faixa de liño. [19]Súa nai facíalle todos os anos unha

**1**, 22 O destete, xeralmente aos dous anos (en 2 Mac **7**, 27 fálase de tres), remataba cunha festa (Xén **21**, 8).
**1**, 24s A presentación do neno facíase cunha ofrenda.
**1**, 27s Cumprimento do voto do v. 11.
**2**, 1-10 O canto de Ana reflicte o sentido teolóxico que reviste a figura de Samuel. O home é grande polo que Deus decide facer del. O canto é un salmo real, como se ve no v. 10. Foi posto na boca de Ana polo tema da esterilidade (v. 5). Canta ao Señor, que engrandece os pequenos (Sof **2**, 3), coma o Magnificat de María (Lc **1**, 46-55).
**2**, 3 Sal **75**, 6.
**2**, 5 Sal **113**, 9.
**2**, 8 Sal **113**, 7.
**2**, 12-26 Retrato contrastante de Samuel e dos fillos de Elí: un crece, os outros minguan; un é para os seus pais bendición e os outros maldición; nun constrúese o pobo do Señor e nos outros destrúese.
**2**, 18 *Faixa* traduce aquí o termo efod. Noutros casos o efod é o instrumento de consulta que manexaba o sacerdote (v. 28).

túnica e leváballa, cando subía co seu home ofrecer o sacrificio anual. [20]Elí bendicía a Elcanah e á súa muller, e agoiráballes: –Que o Señor che conceda descendencia por esta túa muller, en pagas da que ela lle cedeu ao Señor.

Despois volvían para a súa casa. [21]O Señor visitou a Ana, que concibiu e pariu tres fillos e dúas fillas. O neno Samuel, namentres, medraba na presenza do Señor.

[22]Sendo Elí xa moi vello, oía o que facían os seus fillos coa xente de Israel e como se deitaban coas mulleres que prestaban servizo á entrada da Tenda do Encontro. [23]E dicíalles: –Como é que facedes esas cousas? A xente toda fálame do voso mal comportamento. [24]Non, fillos; non está ben o que me contan, pois dese xeito afastades o pobo do Señor. [25]Se un home ofende outro home, Deus xulgará entre os dous; pero se ofende o Señor, quen avogará por el?

Mais eles non lle facían caso a seu pai, porque o Señor decidira que morresen. [26]Pola súa parte, o neno Samuel seguía medrando, querido polo Señor e polos homes.

### Un profeta anuncia a fin do sacerdocio de Xiloh

[27]Un home de Deus chegou onda Elí para anunciarlle: –Isto di o Señor: Non me revelei eu á familia do teu pai, cando estaban aínda en Exipto, escravos do faraón? [28]Non o escollín a el, de todas as tribos de Israel, para que fose o meu sacerdote, subise ao meu altar, queimase o meu incenso e levase o *efod* diante de min? A familia de teu pai concedinlle unha parte nas oblacións dos israelitas. [29]Por que, logo, pisades o sacrificio e a oblación que eu mandei facer na miña morada? Por que aprecias os teus fillos máis ca a min, deixándoos que se ceben co mellor das ofrendas do meu pobo Israel? [30]Por iso, isto di o Señor, Deus de Israel: Eu tíñalles dito á túa familia e á familia do teu pai que servirían no meu santuario para sempre; mais agora, palabra do Señor, que non será. Pois eu honro os que me honran, pero os que me desprezan, veranse desprezados. [31]Está vindo o día no que eu tronzarei o teu brazo e o brazo da familia de teu pai: Ninguén na túa familia chegará á vellez. [32]Ti verás con envexa o ben que eu lle farei a Israel; pero na túa familia non haberá nunca un vello.

[33]Non arrincarei todos os teus de onda o meu altar, mentres non se ensuman os teus ollos e o teu espírito esmoreza; pero os máis da túa familia morrerán pola man dos homes. [34]Sírvache de sinal o que lles vai vir aos teus dous fillos, Hofní e Pinhás: morrerán os dous no mesmo día. [35]Eu escollerei un sacerdote fiel, que faga o que eu quero e desexo. Dareille unha familia duradeira e camiñará sempre en conformidade co meu unxido. [36]Os que sobrevivan da túa familia iranse prostrar diante del, por unha moeda de prata e un anaco de pan, e pediranlle: emprégame en calquera función sacerdotal, para ter algo que comer.

### Vocación de Samuel

**3** [1]O neno Samuel estaba ao servizo do Señor, ás ordes de Elí. A palabra do Señor era escasa, daquela, e non abundaban as visións. [2]Un día estaba Elí sentado no sitio de costume. Os seus ollos debilitáranse e non podía case ver. [3]Non se apagara aínda a lámpada de Deus e Samuel xacía deitado no santuario do Señor, onde estaba a Arca de Deus.

[4]O Señor chamou por Samuel e este respondeulle: –Aquí estou. E, coa mesma, foi correndo onda Elí e díxolle: –Aquí veño, pois chamáchesme.

[5]Elí díxolle: –Eu non te chamei. Volve deitarte.

**2**, 26 O crecemento de Samuel, aquí un pequeno levita, non vai rematar na sucesión dos corrompidos sacerdotes. Outros datos sobre a personalidade de Samuel farano ver deseguida na función de profeta e, máis tarde, na de xuíz.
**2**, 27-36 Esta pasaxe debe ser un engadido posterior, quizais da escola deuteronomista. Fai saír a dimensión teolóxica da historia polo anuncio dun profeta que, segundo **3**, 1, non abundaban. A denuncia do sacerdocio está tamén na boca de Samuel (**3**, 11-14).
**2**, 27 *Home de Deus* é un título que se lles dá por veces aos profetas (**9**, 6s; 1 Re **12**, 22; **13**, 1s).
**2**, 28 As funcións do sacerdocio levítico consisten aquí no culto e na consulta, pola que o sacerdote dá respostas e ensina (Dt **33**, 8-10).
**2**, 34 A morte dos fillos de Elí (**4**, 11) é o sinal do radical exterminio da familia, nos sacerdotes de Nob (**22**, 18s).
**2**, 35 A caída do sacerdocio elida non pon a Samuel no seu lugar. O sacerdote fiel será Sadoc, nomeado por David sacerdote de Xerusalén. El é o fundador do sacerdocio sadoquita. Sadoc acaba desaloxando de Xerusalén o derradeiro dos elidas, Abiatar, sobrevivente de Nob (**22**, 20; 1 Re **2**, 27).
**2**, 36 Reflexo da dura situación do sacerdocio levítico, despois da reforma de Ioxías (2 Re **23**).
**3**, 3 Vocación de Samuel como profeta. A palabra de Deus, rara daquela, comezará agora a abundar, ao atopar o seu portador. O mensaxeiro é chamado, coma Moisés (Éx **3**, 4), pola mesma palabra que desde agora guía a Israel desde o centro sagrado de Xiloh, un lugar de teofanía. Unha lámpada ardía toda a noite no santuario do Señor (Éx **27**, 20s; Lev **24**, 2s).
**3**, 4 A chamada de Deus confírelle a Samuel unha misión máis alá da que lle asinara a nai que o cedera e o sacerdote que lle daba ordes.

E Samuel foise deitar. 6O Señor chamou
de segundas por Samuel. Samuel ergueuse e
foi onda Elí, dicindo: –Aquí estou, pois cha-
máchesme.
–Eu non te chamei, meu fillo -dixo el-.
Volve deitarte.
7Samuel non coñecía aínda o Señor, pois
a palabra do Señor non se lle revelara aínda.
8O Señor chamou por terceira vez a Samuel,
quen se ergueu e foi axiña onda Elí: –Aquí
estou, pois chamáchesme.
Entón decatouse Elí de que era o Señor
quen chamaba polo rapaz. 9Elí díxolle a
Samuel: –Vaite deitar, e se te chama, dirás:
"Fala, Señor, que o teu servo escoita".
Samuel marchou e deitouse no seu sitio.
10O Señor presentouse, chamando, coma as
outras veces: –Samuel, Samuel!
E Samuel dixo: –Fala: o teu servo escóitate.
11E o Señor díxolle a Samuel: –Mira, estou
por facer en Israel unha cousa, que abouxará
os oídos dos que a oian. 12Ese día cumprirei
en Elí, do comezo á fin, o que lle teño dito
en contra da súa familia. 13Anuncieille que
condenaba a súa familia para sempre, polo
pecado de que, sabendo que os seus fillos
maldicían a Deus, el non lles rifaba. 14Por
iso lle teño xurado á familia de Elí que o seu
pecado non se expiará endexamais, nin con
sacrificios nin con ofrendas.
15Samuel seguiu deitado ata a mañá, can-
do tiña que abrir as portas da casa do Señor.
Samuel tiña medo de contarlle a Elí a súa
visión. 16Pero Elí chamou por el: –Samuel,
meu fillo.
E el respondeulle: –Aquí estou.
17E el preguntoulle: –Que foi o que che
dixo? Non mo ocultes. Que Deus te castigue,
se me encobres algunha cousa de todo o que
che dixo.
18Samuel contoulle todo, sen ocultarlle
cousa ningunha. Elí dixo entón: –É o Señor.
Que el faga o que lle pareza.
19Samuel ía crecendo; o Señor estaba con
el e non deixou sen cumprimento ningunha
palabra súa. 20Desde Dan a Beerxeba, todo
Israel sabía que Samuel era un verdadeiro
profeta do Señor. 21O Señor seguiu revelán-
dose en Xiloh, pois era alí onde se revelaba
pola súa palabra a Samuel.

## A ARCA E OS SEUS VAIVÉNS

### Vitoria dos filisteos

**4** 1A palabra de Samuel chegaba a todo
Israel. Os israelitas saíron á guerra en
contra dos filisteos. Acamparon en Eben-ha-
Ézer e os filisteos en Afec. 2Os filisteos puxé-
ronse en orde de combate cara aos israelitas.
Desatada a batalla, os israelitas sufriron unha
grave desfeita diante dos filisteos, que lles
mataron no campo, dentro das súas ringleí-
ras, case catro mil homes.
3Cando a tropa volveu ao campamento, os
anciáns de Israel preguntábanse: –Por que
nos deixou hoxe o Señor sufrir esta desfeita
ante os filisteos? Levemos connosco de Xiloh
a Arca da Alianza do Señor. Se vén El con-
nosco, libraranos da man dos nosos inimigos.
4Mandaron, pois, xente a Xiloh, para que
trouxesen de alí a Arca da Alianza do Señor
dos exércitos, que ten o trono enriba dos que-
rubíns. Coa Arca da Alianza de Deus ían os
dous fillos de Elí, Hofní e Pinhás. 5Cando a
Arca da Alianza do Señor chegou ao campa-
mento, Israel botou un berro de guerra tan
grande que a terra tremeu. 6Os filisteos que o
oíron, preguntaban: –Que é ese gran berro de
guerra, no campamento dos hebreos?
Souberon que chegara ao campamento a
Arca do Señor 7e, mortos de medo, dicían:
–Entraron os deuses no campamento! Pobres
de nós! Cousa coma ela aínda non acontece-
ra. 8Pobres de nós! Quen nos librará agora da
man de deuses tan podentes? Eles son os que

**3**, 11-14 Duplicado da denuncia de **2**, 27-36, á que parece referirse o v. 12.
**3**, 19-21 Samuel confirmado profeta pola chamada de Deus e o recoñecemento da xente. Deus é quen dá forza á palabra xeradora da historia que se segue contando. Xiloh, lugar da palabra, pola presenza alí de Samuel.
**4-6** Historia ben construída da Arca, dos seus movementos e das consecuencias da súa presenza por onde anda. A historia segue en 2 Sam **6** e **24**, co que se deixa ver a súa importancia no proxecto dos libros de Samuel.
**4** O tema da Arca e da súa presenza na guerra filistea é independente da historia de Samuel. Vincúlanse polos elidas e por Xiloh, onde estaban Samuel e mais a Arca, e tamén pola palabra do Señor que, desde alí, traballa na historia. A historia da Arca prepara o terreo para a chegada da monarquía. A caída da Arca na man dos inimigos vai seguida do cumprimento da ameaza contra os elidas, e leva a arma secreta de Israel ao seo do pobo filisteo. Hai aquí cousas que recordan a historia de Sansón.
**4**, 1 O lugar é o norte do territorio filisteo, cerca das fontes do Iarcón.
**4**, 3-11 A Arca supuña a Deus presente na batalla. Pero Deus escóndese e non dá sinal da súa presenza, quizais en resposta aos denunciados pecados dos elidas.
**4**, 5 Cf Núm **10**, 5; 2 Sam **6**, 15.

feriron aos exipcios con tantas pragas e pestes.
9Coraxe, filisteos! Sede homes, para non convertervos en escravos dos hebreos, como eles foron escravos nosos. Sede homes e loitade!
10Os filisteos botáronse ao combate e venceron aos israelitas, que fuxiron, cada un para á súa tenda. Foi unha grave desfeita. Da infantaría de Israel caeron trinta mil homes.
11A Arca de Deus foi capturada e morreron os dous fillos de Elí, Hofní e Pinhás.
12Un home benxaminita saíu correndo do campo da batalla e chegou no día a Xiloh, coa roupa rachada e a cabeza cuberta de po.
13Entrou onda Elí e atopouno sentado na cadeira, onda a porta, enxergando a carreira, pois tremíalle o corazón pola Arca de Deus. O home entrara coa súa noticia na cidade e a xente toda berraba.
14Cando Elí oíu aqueles berros, preguntou: –Que barullo é ese?
Ao tempo, o home entraba correndo onda Elí para darlle a noticia.
15Elí cumprira noventa e oito anos; tiña os ollos ríxidos e xa non podía ver.
16O home díxolle: –Eu son o que chegou hoxe do campo da batalla.
E el preguntoulle: –Que pasou, meu fillo?
17O mensaxeiro respondeulle: –Os israelitas fuxiron diante dos filisteos e o exército sufriu unha gran desfeita. Morreron os teus dous fillos, Hofní e Pinhás, e a Arca de Deus foi capturada.
18En amentando o home a Arca de Deus, Elí caeu da cadeira cara atrás, ao pé da porta, descrocouse e morreu. Era vello e estaba torpe. Fora xuíz de Israel corenta anos.
19A súa nora, a muller de Pinhás, estaba embarazada, preto da hora de parir. En oíndo a noticia de que a Arca de Deus fora capturada e de que morreran o seu sogro e o seu home, sentiu as dores do parto, engruñouse e pariu.
20Estando á morte, as mulleres que a asistían, dicíanlle: –Non teñas medo. Pariches un fillo.
Pero ela non respondeu, nin tan sequera se decatou.
21Ao neno puxéronlle o nome de Icabod, querendo dicir: "Foi desterrada a gloria de Israel", pola captura da Arca de Deus e pola morte do sogro e do home.
22E repetían: "Foi desterrada a gloria de Israel ao capturaren a Arca de Deus".

**4**, 18 Elí aparece aquí como xuíz, como un dos pequenos xuíces.
**4**, 21 *Icabod* quere dicir "onde está a gloria?", referíndose ás circunstancias da perda da Arca.
**5**, 1 A Arca, aparentemente vencida, e Deus con ela, vai gañar agora a vitoria na terra inimiga e dentro do santuario do deus filisteo. Esta é a resposta ao nome de Icabod, "onde está a gloria?". Neste momento a loita é máis relixiosa ca militar.

### A Arca en terra inimiga

**5** 1Os filisteos capturaron a Arca de Deus e levárona de Eben-ha-Ézer a Axdod.
2Alí collérona, introducírona no santuario de Dagón e puxérona ao seu lado.
3Ao outro día, ao erguérense as xentes de Axdod, atoparon a Dagón de fociños no chan diante da Arca do Señor. Eles collérono e volvérono ao seu sitio.
4O seguinte día erguéronse cedo e atoparon a Dagón outra vez de fociños no chan diante da Arca do Señor. A cabeza e as mans de Dagón xacían tronzadas onda o limiar e quedáballe só o tronco.
5Por iso aínda agora os sacerdotes de Dagón e calquera que entre no seu santuario, non pisan no seu limiar.
6A man do Señor pesou moi dura sobre as xentes de Axdod. Estarreceu con tumores a cidade e os seus termos.
7Á vista do que pasaba, as xentes de Axdod decidiron: –Que non quede onda nós a Arca do Deus de Israel, pois a súa man endureceuse contra nós e contra Dagón, o noso deus.
8Entón convocaron a todos os seus príncipes e consultáronlles: –Que habemos facer coa Arca de Deus de Israel?
E eles responderon: –Que a leven a Gat.
E trasladárona alí.
9Pero, en canto chegou alí a Arca, a man do Señor pesou sobre a cidade. Houbo un grande estremecemento, pois o Señor feriu cunha praga de furunchos a toda a poboación, aos pequenos e aos grandes.
10Entón mandaron a Arca de Deus cara a Ecrón. En canto a Arca chegou alí, os ecronitas queixábanse dicindo: –Trouxeron onda nós a Arca do Deus de Israel. Será a nosa morte e a das nosas familias.
11Entón convocaron de segundas a todos os seus príncipes e dixéronlles: –Levade a Arca do Deus de Israel, que volva ao seu sitio, non nos mate a nós e á nosa xente.
Había un medo de morte na cidade, pois actuara alí moi duramente a man de Deus.
12A xente que non morría, quedaba ferida de tumores. O brado da cidade subía cara ao ceo.

### Retorno da Arca a Israel

**6** 1A Arca do Señor estivo sete meses na terra dos filisteos.
2Os filisteos convoca-

**5**, 2 *Dagón*, nome co significado de gran, semente (*dagán*) é un deus semita da fertilidade, adoptado polos filisteos.
**5**, 5 O salto sobre o limiar, por respecto ou por medo aos espíritos que o gardan, é costume ben coñecido.
**5**, 6-12 *A praga dos furunchos*, ao parecer peste bubónica, esténdese polas cidades filisteas, coincidindo coa presenza da Arca, levada por eles mesmos. É a hora do triunfo da Arca, a manifestación da gloria de Deus.

ron entón os seus sacerdotes e adiviños, para consultarlles: –Que habemos facer coa Arca de Iavé? Dicídenos a maneira de volvela ao seu sitio.

3Eles respondéronlles: –Se queredes devolver a Arca do Deus de Israel, non a volvades de baleiro; pagádelle unha ofrenda expiatoria. Entón sandaredes e veredes por que a man do Señor non deixou de mancarvos.

4Os filisteos preguntaron: –Que ofrenda expiatoria lle podemos pagar?

Eles responderon: –Cinco furunchos de ouro e cinco ratos de ouro, conforme o número dos príncipes dos filisteos, xa que a mesma praga vos aflixiu a vós e aos vosos príncipes. 5Facede imaxes dos furunchos e dos ratos que estragaron o país, e rendédelle homenaxe ao Deus de Israel. Quizais entón alixeire a súa man sobre vós e sobre os vosos deuses e a vosa terra. 6Para que mostrarvos teimudos, como fixeron os exipcios e o seu faraón, que soamente deixaron saír a Israel despois que o Señor os castigou? 7Agora facede un carro novo, collede dúas vacas que estean criando e que non foran nunca xunguidas e poñédeas ao carro, deixando os seus becerriños pechados no cortello. 8Despois colocades no carro a Arca do Señor e, á carón dela, unha caixa cos obxectos de ouro que lle dades como ofrenda expiatoria, e botádelo, que se vaia. 9Fixádevos ben: se colle o camiño do seu país, subindo cara a Betxémex, entón é que foi ese Deus quen vos causou tantas desgrazas; se non, saberemos que non foi a súa man a que nos feriu, senón unha casualidade.

10E fixérono así. Colleron dúas vacas de cría e puxéronas ao carro, deixando os seus becerriños pechados no cortello. 11Colocaron no carro a Arca do Señor e a caixa cos ratos de ouro e coas imaxes dos furunchos. 12As vacas foron dereitas polo camiño de Betxémex, bruando namentres andaban o camiño, sen arredarse nin á dereita nin á esquerda. Os príncipes dos filisteos seguíanas detrás, ata os confíns de Betxémex. 13A xente de Betxémex estaba na chaira, na seitura. Cando ergueron os ollos e viron a Arca, aledáronse moito. 14O carro entrou no eido de Xosué de Betxémex e alí parou ao lado dunha gran pedra. Os veciños fixeron estelas da madeira do carro e ofrecéronlle as vacas en sacrificio ao Señor.

15Os levitas baixaron a Arca do Señor e a caixa que contiña as imaxes de ouro e puxérono todo enriba da gran pedra. E a xente de Betxémex ofreceu aquel día holocaustos e sacrificios ao Señor. 16Os cinco príncipes filisteos estivéronos observando e, naquel mesmo día, volveron para Ecrón.

17Os furunchos de ouro que os filisteos lle pagaron como ofrenda expiatoria ao Señor, era un por Axdod, un por Gaza, un por Axquelón, un por Gat e un por Ecrón. 18Tocante aos ratos de ouro, estes correspondían a todas as cidades dos cinco príncipes filisteos, tanto prazas muradas coma aldeas desgornecidas. A gran pedra na que puxeron a Arca do Señor, pódese ver aínda hoxe no eido de Xosué de Betxémex.

19Os fillos de Ieconías non se aledaron coma o resto da xente de Betxémex, cando viron a Arca do Señor, e o Señor castigou a setenta persoas da familia. O pobo fixo dó por aquela gran mortaldade coa que os ferira o Señor. 20Os de Betxémex preguntábanse: –Quen poderá aturar ante o Señor, ese Deus santo? Onda quen subirá, lonxe de nós?

21E mandaron mensaxeiros a Quiriat Iearim con este recado: –Os filisteos devolveron a Arca do Señor. Baixade e levádea convosco.

**6** A Arca segue no centro da atención, chegando ao cume do seu camiño, que será Xerusalén. Conseguida a vitoria sobre os filisteos desde dentro, é a hora do triunfo e da gloria. Desde a terra dos inimigos volve agora ao seu pobo. Os filisteos foron coma os exipcios, que só deixaron saír aos israelitas despois de sufriren as pragas (v. 6). Na ofrenda, os filisteos recoñecen que pecaron e dan gloria ao Deus de Israel.

**6**, 7-9 O retorno da Arca serve tamén de proba de que todo o que pasou foi por obra de Deus.

**6**, 13-16 *Betxémex*, poboación no límite do territorio de Israel. A Arca é alí recibida con culto sacrificial.

**6**, 19 Texto mal conservado. A Arca cómpre gardarlle respecto, tamén en Israel.

# II. SAMUEL E XAÚL

## O xuíz Samuel vence aos filisteos

**7** [1]Os de Quiriat Iearim foron recoller a Arca do Señor, levárona á casa de Abinadab, que estaba no outeiro, e consagraron o seu fillo Elazar para gardala. [2]Desde o día en que a Arca do Señor se instalara en Quiriat Iearim pasara moito tempo –había diso vinte anos–, e todos os israelitas estrañaban a Arca do Señor. [3]Entón falou Samuel deste xeito para todo Israel: –Se vos convertedes ao Señor de todo corazón, desbotando de onda vós os deuses alleos e as axtartés, se fincades no Señor o voso corazón, e se o servides só a el, o Señor libraravos da man dos filisteos.

[4]Os israelitas desbotaron os baais e as axtartés e prometeron servir só ao Señor. [5]Samuel mandoulles entón: –Reunide en Mispah a todo Israel e pregareille ao Señor por vós.

[6]Reunidos en Mispah, os israelitas sacaron auga e vertérona diante do Señor. Aquel día xaxuaron e alí mesmo confesaron: –Pecamos contra o Señor.

En Mispah xulgou Samuel a Israel. [7]Cando souberon que os israelitas se xuntaran en Mispah, os príncipes dos filisteos subiron contra Israel. Oírono os israelitas e colléronlles medo aos filisteos. [8]E dixéronlle a Samuel: –Roga, sen descanso, por nós ao Señor, noso Deus; que nos libre el da man dos filisteos.

[9]Samuel colleu un año de leite e ofreceullo en holocausto ao Señor. Pregou ao Señor por Israel e o Señor escoitouno. [10]Ao tempo que Samuel ofrecía o sacrificio, os filisteos acercábanse para atacar a Israel. Pero o Señor mandou aquel día unha treboada que desbaratou os filisteos. Despois, foron vencidos polos israelitas. [11]Estes saíron de Mispah, perseguindo os filisteos e batendo neles ata máis abaixo de Betcar. [12]Samuel colleu unha pedra e chantouna entre Mispah e Xen, e chamoulle Eben-ha-Ézer, querendo dicir: "Ata aquí axudounos o Señor".

[13]Os filisteos quedaron humillados e non volveron invadir os lindeiros de Israel. A man do Señor pesou sobre eles toda a vida de Samuel. [14]As cidades que os filisteos lle colleran a Israel, tiveron que devolverllas. Israel recuperou dos filisteos desde Ecrón ata Gat e os seus confíns. Entre Israel e os cananeos houbo paz.

[15]Samuel foi xuíz de Israel por toda a súa vida. [16]Todos os anos facía un percorrido por Betel, Guilgal e Mispah, e administraba xustiza entre os israelitas en todos eses lugares. [17]Despois volvía para Ramah, onde tiña a súa casa. Desde alí gobernaba Israel e alí tíñalle edificado un altar ao Señor.

## Israel pide un rei

**8** [1]Cando Samuel se fixo vello, puxo os seus fillos por xuíces de Israel. [2]O primoxénito chamábase Xoel e o segundo Abías. Exercían como xuíces en Beerxeba. [3]Pero os fillos non seguiron o camiño de Samuel, senón que se deixaron levar pola cobiza, aceptando regalos e torcendo o dereito. [4]Daquela xuntáronse os vellos de Israel, foron a Ramah onda Samuel [5]e dixéronlle: –Velaí que ti estás vello e os teus fillos non van polo teu camiño. Dános, logo, un rei que nos goberne, coma o que teñen as outras nacións.

**7** Comeza unha nova sección sobre a orixe da monarquía. Nela volve Samuel, pero agora noutra figura, a de xuíz. En Samuel confróntase a monarquía que vai vir coa xudicatura que acaba. Samuel xulga a Israel como un dos pequenos xuíces, e salva ao pobo, contendo aos filisteos, non polas armas, senón pola oración. En Samuel quérese mostrar a obra de Deus polos xuíces, contrapondo ese feito coa demanda dun rei.

**7**, 1 O verso remata o tema da volta da Arca á unha das cidades de Israel. Quiriat Iearim era unha das cidades dos gabaonitas, cos que Israel tiña un pacto (Xos **9**).

**7**, 3-6 Samuel aparece aquí chamando aos israelitas que estrañaban o símbolo de Deus, a un acto de penitencia e conversión, de color deuteronomista. *Mispah*, un santuario israelita, ao norte de Xerusalén.

**7**, 7-12 Samuel contén aos filisteos, non loitando, senón rezando. *Eben-ha-Ézer*, pedra da axuda, contraposto ao lugar da desfeita, que tamén se chamaba así (**4**, 1). Vitoria de guerra santa, o mesmo que as dos xuíces. De feito foron Xaúl e David os que contiveron aos filisteos. A imaxe que dá o relato é máis teolóxica ca histórica.

**7**, 13s Xeneralización sobre unha época.

**7**, 15-17 O que se quere dicir é que por Samuel o goberno de Deus chegou a todo Israel.

**8** A orixe da monarquía, preparada no c. **7** cunha exaltación da xudicatura, segue presentándose agora en ton crítico. Este comezo ten continuidade en **10**, 17-24 e en **12**. A iniciativa do feito vén do pobo, cousa que o historiador, co profeta ao seu lado, entende como rexeitamento da guía carismática e, en definitiva, de Deus, que é o rei de Israel (Xuí **8**, 23). Mentres o pobo ve no rei un seguro porvir, as razóns contrarias de Samuel din: pedir un rei é ingratitude co Deus que o salvou, e un grave desacerto, polas servidumes que traerá consigo a institución. Esa crítica imaxe volverase atopar en Oseas e nos escritos deuteronomistas.

**8**, 1-3 Os fillos de Samuel representan unha xudicatura decadente, que está pedindo outra cousa, coma antes os fillos de Elí co sacerdocio. No posto de guías carismáticos había administradores corrompidos.

**8**, 5 *Gobernar* indica o que se está pasando da xudicatura á monarquía.

6A Samuel pareceulle mal esa proposta:
"Dános un rei que nos goberne". E invocou
o Señor. 7O Señor respondeulle: –Atende o
pobo en todo o que che pide. Non te rexeitan
a ti, senón a min, para que non reine sobre
deles. 8É o que fixeron sempre comigo, desde
o día en que os saquei de Exipto ata hoxe:
arredarse de min, para servir a outros deuses;
iso é o que fan contigo. 9Agora aténdeos no
que piden, pero advírteos e dilles cal será o
foro do rei que reinará sobre eles.

10Samuel referiulle ao pobo que pedía un
rei o que lle dixera o Señor. 11Díxolle: –Este
é o foro do rei que reinará sobre vós: collerá
os vosos fillos, para servizo dos seus carros e
da súa cabalaría e para que corran diante da
súa carroza. 12Poraos de xefes de milleiro e
de xefes de cincuentena; faralles arar as súas
leiras e segar o seu trigo, fabricar armas para
a guerra e trebellos para os carros. 13As vosas
fillas levaraas para perfumistas, cociñeiras e
panadeiras. 14Quitaravos o mellor dos vosos
eidos, das vosas viñas e oliveiras, para dárllelo aos seus servidores. 15Esixiravos o décimo do voso gran e das vosas vendimas, para
dárllelo aos seus ministros e aos seus funcionarios. 16Botará man dos vosos criados e criadas, dos vosos bois e dos vosos burros, para
que fagan para el o seu traballo. 17Decimará
os vosos rabaños e vós seredes os seus escravos. 18Entón berraredes en contra do rei que
escollestes, pero o Señor non responderá.

19O pobo non lle fixo caso a Samuel e insistiu: –Non. Nós queremos un rei! 20Seremos coma as outras nacións. Teremos un rei
que nos goberne e que saia á fronte de nós
nas nosas guerras.

21Samuel escoitou o que o pobo pedía e referiullo ao Señor. 22O Señor díxolle a Samuel:
–Atende a súa demanda e noméalles un rei.

Entón ordenoulles Samuel aos israelitas:
–Ídevos cada un para o voso lugar.

## XAÚL UNXIDO REI

### Encontro de Xaúl con Samuel

**9** 1Había un home de Benxamín que se chamaba Quix, fillo de Abiel, fillo de Seror, fillo de Becorat, fillo de Afíah, un benxaminita de boa posición. 2Tiña un fillo chamado Xaúl, un mozo garrido e lanzal, como non había outro en Israel. Sobresaía entre todos dos ombreiros para arriba. 3A seu pai Quix extraviáranselle unhas burras e díxolle ao seu fillo Xaúl: –Leva contigo un criado e vai na pescuda das burras.

4Atravesaron a montaña de Efraím e a bisbarra de Xalixah, pero non as atoparon. Cruzaron por Xalim, e non estaban. Atravesaron despois Benxamín, e tampouco estaban alí. 5Chegados á terra de Suf, Xaúl díxolle ao criado que ía con el: –Imos dar a volta, non sexa que meu pai, deixando a cousa das burras, estea inquedo por nós.

6O criado respondeulle: –Xustamente nesta cidade hai un home de Deus de moito creto. Todo o que anuncia acontece. Vamos alí onda el. Ao mellor dános razón do que estamos buscando.

7Xaúl reparou: –Mais, de ir, que lle daremos a ese home? Non nos queda pan nas alforxas e non temos ningún agasallo que ofrecerlle ao home de Deus. Que nos queda?

8O criado respondeulle: –Aquí gardo aínda un cuarto de siclo de prata. Darémosllo ao home de Deus e el mostraranos o camiño.

9Antes en Israel, cando alguén ía consultar algo con Deus, tiña o costume de dicir: "Vaiamos onda o vidente", porque ao profeta de agora chamábaselle antes vidente. 10Entón Xaúl asentiu: –Está ben o que dis. Vamos alá.

E entraron na cidade, onde estaba o home de Deus. 11Cando subían a costa da cidade, encontráronse cunhas rapazas que saían coller auga, e preguntáronlles: –Está aquí o vidente?

**8**, 6-9 A iniciativa do pobo é lida aquí como rexeitamento do goberno de Deus, pola mediación dos homes carismáticos. Samuel, profeta, é quen o sente e o acusa, como noutrora Moisés. Deus mantén a soberanía concedendo o que o pobo pide.

**8**, 10-18 *O foro do rei* recolle experiencias negativas do reinado de Salomón. Con el advirte Samuel ao pobo das servidumes da monarquía, para facerlle recoñecer o erro de pedila.

**9** Nestoutra versión da orixe da monarquía, todo é positivo, favorable á institución. Segue en **10**, 1-16 e en **11**. O rei é querido por Samuel, que agora non aparece como xuíz, senón como profeta; é querido tamén por Deus. A cousa acontece entre Xaúl e Samuel, que leva a termo o que Deus quere. Cando viu a vitoria que Deus lle dera por el, o pobo recoñeceuno como o seu rei.

**9**, 1ss Relato popular, que pinta con inxenuidade e simpatía as persoas e os acontecementos.

**9**, 6ss Samuel, un home de Deus, é un vidente, a quen se lle pode preguntar sobre cousas perdidas, facéndolle un agasallo (Núm **22**, 7; 1 Re **14**, 3).

**9**, 9 A glosa quere explicar quen era o vidente: era un deses que máis tarde se chamaron profetas. Entre as notas que concorren no profeta está a clarividencia: ver desde a perspectiva de Deus.

12–Está, –respondéronlles elas–. Aí vai,
diante de vós. Apurade. Hoxe veu á cidade,
porque o pobo celebra un sacrificio no outei-
ro. 13En canto entredes na cidade, atoparédel-
lo. Despois subirá ao outeiro para xantar. A
xente non xantará mentres non chegue, pois
é el quen bendicirá o sacrificio que despois
comerán os convidados. Agora subide, que
deseguida o encontraredes.
14Subiron eles á cidade e, ao entraren nela,
atopáronse con Samuel, que pasaba diante
deles para subir ao outeiro. 15A véspera da
chegada de Xaúl, o Señor fixéralle a Samuel
esta revelación: 16–Mañá destas horas man-
dareiche un home do país de Benxamín, para
que o unxas por xefe do meu pobo Israel. El
librará este meu pobo da man dos filisteos,
pois fixeime na mágoa do meu pobo, os seus
berros chegaron onda min.
17Cando Samuel viu a Xaúl, o Señor indi-
coulle: –Ese é o home que che dixen, o que
gobernará o meu pobo.
18Xaúl achegouse a Samuel, preto da porta
da cidade, e preguntoulle: –Dime, se fas o
favor, onde é a casa do vidente.
19Samuel respondeulle: –O vidente son eu.
Sube ao outeiro canda min. Hoxe xantaredes
comigo e mañá cedo despedireite e direiche
o que hai no teu corazón. 20Tocante ás burras
que se che perderon hai agora tres días, non
te inquietes por elas; xa apareceron. Amais,
a quen pertence o máis prezado de Israel, se-
nón a ti e á túa familia?
21A iso dixo Xaúl: –Non son eu un benxa-
minita, da máis pequena das tribos de Israel, e
o meu clan dos máis insignificantes dos clans
de Benxamín? Por que, logo, me falas así?
22Entón conduciu Samuel ao comedor a
Xaúl e ao seu criado e sentounos á cabeceira
de todos os convidados, unhas trinta persoas.
23E díxolle ao cociñeiro: –Trae a ración que
che entreguei e que che mandei que gardases
á parte.
24O cociñeiro trouxo un pernil enteiro e
serviullo a Xaúl. E Samuel díxolle: –Estaba
gardado para ti. Come, pois reservárase para
esta ocasión, para que comas cos convidados.
E Xaúl xantou aquel día con Samuel. 25Des-
pois baixaron do outeiro á cidade, e Samuel
estivo de conversa con Xaúl no seu terrado.
26Xaúl durmiu alí. Ao amencer, Samuel foino
chamar: –Érguete, que quero despedirte.
Xaúl ergueuse e saíron os dous xuntos para
fóra. 27Cando saían da cidade, Samuel díxolle
a Xaúl: –Dille ao criado que vaia diante e ti
agarda unha miga, que quero comunicarche a
palabra de Deus.

### Unción secreta

**10** 1Entón Samuel colleu a aceiteira, verteu
aceite sobre a cabeza de Xaúl e bicou-
no dicindo: –Isto quere dicir que o Señor te
unxe por xefe do seu herdo. 2Cando agora te
apartes de onda min, encontraraste con dous
homes, cerca da tumba de Raquel, nos lindei-
ros de Benxamín, en Selsah, e diranche: "As
burras que andabas buscando apareceron".
Teu pai esqueceu xa ese asunto e agora está
inquedo por vós pensando: "Que será do meu
fillo?". 3Máis adiante no teu camiño, chegan-
do á aciñeira do Tabor, encontraraste con tres
homes que soben para adorar a Deus en Be-
tel, un deles con tres cabuxos, outro con tres
fogazas e o terceiro cun pelello de viño. 4Eles
saudarante e daranche dúas fogazas, que ti
collerás das súas mans. 5Despois chegarás a
Guibah de Deus, onde está o posto dos filis-
teos. Ao entrares na cidade, atoparaste cunha
banda de profetas que baixan do outeiro,
profetizando, ao son de arpas e pandeiros, de
frautas e de cítolas. 6Niso entrará en ti o espí-
rito do Señor e profetizarás, xunto con eles,
trocado noutro home. 7Cando vexas cumprir-
se estes sinais, fai o que ben che pareza: Deus
estará contigo. 8Baixa a Guilgal antes ca min;
logo baixarei eu, para ofrecer holocaustos e
sacrificios de comuñón. Agarda alí sete días
a que eu chegue e che diga o que has facer.
9Despois que Xaúl se puxo en camiño,
afastándose de Samuel, Deus mudoulle o

**9**, 12 Samuel, o home de autoridade, preside no outeiro o sacrificio de comuñón. Os outeiros eran os lugares preferidos, xa polos cananeos, para instalar un santuario. Máis tarde foron obxecto da denuncia profética, porque polo seu culto entrou en Israel a idolatría.
**9**, 17 Deus faloulle a Samuel polas circunstancias mesmas do encontro con Xaúl. O profeta ve máis alá do que outros ven: percibe os sinais de Deus. En Xaúl viu o instrumento da liberación de Israel.
**9**, 20s No diálogo entre Samuel e Xaúl pásase das burras extraviadas ao verdadeiro tema do capítulo.
**9**, 22-24 Samuel faille xa a Xaúl os honores de rei.
**10**, 1 *A unción do rei* por un profeta significa que o espíri-
to de Deus penetra nel e lle confire capacidade para a súa función. Sobre os xuíces dise que viña directamente o espírito de Deus; agora institucionalízase no rito da unción o mesmo principio do carácter sagrado do rei (**16**,13; 1 Re **1**, 39). A unción confírelle ao rei a súa lexitimidade; cómpre que logo o pobo o recoñeza. Iso empeza aquí para Xaúl co bico de Samuel.
**10**, 2-7 Tres sinais que Samuel lle dá, e que Xaúl verá cumpridas, débenlle dar seguridade de que é Deus quen o establece príncipe do seu pobo.
**10**, 8 O sometemento do rei ao profeta expresa a súa obediencia ao Señor (**13**, 7-15). O v., un engadido fóra de lugar.

corazón e, naquel mesmo día, cumpríronse
todos os sinais. [10]Cando entraban en Guibah,
encontráronse cunha banda de profetas. Niso
entrou en Xaúl o espírito de Deus e púxose a
profetizar no medio deles. [11]Os que de antes
o coñecían, ao velo profetizar entre os pro-
fetas, preguntábanse uns aos outros: –Que
lle pasou ao fillo de Quix? Tamén anda Xaúl
entre os profetas?

[12]E un de alí replicou: –E quen é o pai de-
ses outros?

Diso saíu o dito: "Conque tamén anda
Xaúl entre os profetas?".

[13]Cando deixou de profetizar, Xaúl mar-
chou para a súa casa. [14]O tío de Xaúl pregun-
toulles a el e ao criado: –Por onde andastes.

E eles responderon: –Iamos á busca das
burras e, ao ver que non aparecían, chegámo-
nos onda Samuel.

[15]O tío preguntoulle a Xaúl: –Cóntame o
que vos dixo Samuel.

[16]Xaúl respondeulle: –Informounos de que
as burras xa apareceran.

Pero non o informou do que Samuel lle
dixera sobre o asunto do reino.

### Elección polas sortes

[17]Samuel convocou o pobo en Mispah, na
presenza do Señor, [18]e faloulles aos israelitas:
–Isto di o Señor, Deus de Israel: Eu saquei a
Israel de Exipto e libreivos da man dos exip-
cios e da de todos os reis que vos oprimían.
[19]Pero agora vós rexeitades o voso Deus, o
que vos librou de males e apuros, cando di-
cides: "Non. Dános un rei que nos goberne".
Presentádevos, logo, diante do Señor por tri-
bos e por familias.

[20]Samuel fixo comparecer a todas as tribos
de Israel e a sorte caeu na tribo de Benxa-
mín. [21]Compareceron logo os clans da tribo
de Benxamín e a sorte caeu no clan de Matrí.
Despois caeu en Xaúl, fillo de Quix. Bus-
cárono e non o encontraron. [22]Consultaron de
novo o Señor: –Veu ou non ese home?

E o Señor respondeu: –Aí está, agochado
entre as equipaxes.

[23]Correron a sacalo de alí e presentárono
diante da xente. Pasáballes a todos eles dos
ombreiros para arriba. [24]Samuel díxolle ao
pobo: –Vedes o que escolleu o Señor? Non
hai outro coma el.

E aclamárono todos berrando: –Viva o rei!

[25]Samuel explicoulle ao pobo o foro do rei,
escribiuno nun libro e depositouno diante do
Señor. Despois despediu a xente, cada un
para a súa casa.

[26]Tamén Xaúl marchou para a súa casa, en
Guibah, acompañado polos valentes aos que
Deus lles movera o corazón. [27]Pero algúns
aleivosos dicían: –Como! Ese é o que nos
vai salvar?

E desprezárono e non lle levaron o regalo.
Pero Xaúl fixo o xordo.

### Xaúl vence aos amonitas

**11** [1]Subiu Nahax o amonita e puxo o
campamento contra Iabex de Galaad.
Os de Iabex propuxéronlle a Nahax: –Fai
unha avinza connosco e seremos vasalos teus.

[2]Nahax o amonita respondeulles: –Farei
un pacto convosco coa condición de arrin-
carvos a todos o ollo dereito, sinal de afronta
para todo Israel.

[3]Os vellos de Iabex dixéronlle: –Concéde-
nos sete días, para mandarmos mensaxeiros
por todo o país de Israel. Se non houbese
quen nos axude, quedarémosche sometidos.

[4]Os mensaxeiros chegaron a Guibah de
Xaúl e contaron o caso aos oídos do pobo.
Todo o mundo rompeu a chorar. [5]Niso vol-
vía Xaúl do agro, tras dos bois, e preguntou:
–Que lle pasa á xente que está toda chorando?

E contáronlle o caso que referiran os de
Iabex. [6]En oíndoo, entrou en Xaúl o espíri-
to de Deus e alporizouse. [7]Colleu a parella
dos bois, tronzounos e mandou os anacos por
todo Israel por mensaxeiros que pregoaban:
–Isto é o que se fará co gando dos que non
saian á guerra, detrás de Xaúl e de Samuel.

Un medo sagrado arrepiou a toda a xente,
que saíu coma un só home. [8]Xaúl revistounos
en Bézec: os de Israel eran trescentos mil e
trinta mil os de Xudá. [9]Entón dixéronlles aos
mensaxeiros que viñeran de Iabex de Galaad:
–Anunciádelle á vosa xente: Mañá, ao quen-
tar o sol, chegaravos a axuda.

**10**, 10-12 O encontro cos profetas e a penetración nel do espírito de Deus fan de Xaúl un carismático, semellante aos xuíces. Os profetas en bandas eran unha forza carismática, dirixida por Samuel, coma os setenta anciáns de Moisés (Núm **11**, 16ss) e os fillos dos profetas respecto de Elías e Eliseo. Son testemuñas da forza do espírito de Deus e da súa presenza na historia. Outra vez en **19**, 20-24.
**10**, 17ss Aquí segue a versión crítica, que empezou no c. **8**. Mesmo se a cousa sae do pobo, o home de Deus repréndea, e Deus colle de novo a iniciativa na historia. O rei é agora elixido polas sortes, que fan oír a voz de Deus. O pobo recoñéceo e aclámao.
**11** A guerra cos amonitas dálle ocasión a Xaúl, na versión promonárquica unxido en segredo, de actuar como liberador e con iso facerse recoñecer polo seu pobo.
**11**, 1 *Iabex de Galaad*, no norte de Transxordania, fora xa noutros momentos librado polo xuíz Iefté (Xuí **21**).
**11**, 6 *O espírito* está con Xaúl, coma cun xuíz. Manifés-tase tamén agora como forza guerreira para salvar (Xuí **11**, 29ss).

Marcharon os mensaxeiros e déronlles a nova aos de Iabex, que reloucaban. [10]Estes respondéronlles entón aos amonitas: –Mañá entregarémonos a vós e faredes connosco o que vos pareza.

[11]O día seguinte, Xaúl dividiu o exército en tres corpos, que, á hora da garda da mañá, entraron no campamento amonita e estivérono batendo ata as horas da calor. Os que puideron fuxir, espalláronse para todos os lados, sen quedaren dous xuntos. [12]Entón a xente dicíalle a Samuel: –Onde están os que preguntaban: "Vai reinar Xaúl sobre nós?". A velos, que os mataremos!

[13]Pero Xaúl respondeulles: –Hoxe non morrerá ninguén, pois hoxe salvou o Señor a Israel.

[14]Samuel díxolle ao pobo: –Vaiamos a Guilgal, para inaugurar alí a realeza.

[15]Fóronse todos a Guilgal e coroaron rei a Xaúl, alí, na presenza do Señor. Ofrecéronlle ao Señor sacrificios de comuñón e Xaúl e os israelitas celebraron alí unha gran festa.

### Despedida de Samuel

**12** [1]Samuel faloulle a todo Israel: –Xa vedes que vos atendín en todo o que me pedistes. Deivos un rei que vos goberne. [2]Agora aí tedes o rei para que vos guíe. Eu vou vello, encanecido, e os meus fillos están convosco. Eu andei diante de vós desde a miña mocidade ata agora. [3]Aquí me tedes. Testemuñade contra min na presenza do Señor e na do seu unxido. A quen lle quitei un boi? A quen, un burro? A quen asoballei? A quen causei prexuízo? De quen aceptei un agasallo que me fixese pechar os ollos ante a súa conduta? Falade e devolveréivolo.

[4]Responderon eles: –Non nos asoballaches, non nos prexudicaches, non lle quitaches a ninguén cousa ningunha.

[5]El engadiu: –Poño de testemuñas hoxe contra vós ao Señor e ao seu unxido, de que non atopastes na miña man cousa ningunha.

Responderon eles: –Sexan testemuñas.

[6]E Samuel dixo: –Sexa testemuña o Señor, quen chamou a Moisés e a Aharón e que sacou os vosos pais da terra de Exipto. [7]Agora comparecede, que quero eu pedirvos contas diante do Señor dos favores que El vos fixo, a vós e a vosos pais. [8]Cando Xacob baixou a Exipto e os exipcios vos oprimiron, os vosos pais berraron cara ao Señor, e o Señor mandou a Moisés e a Aharón, que os sacaron de Exipto, para establecelos neste lugar. [9]Eles esquecéronse logo do Señor, o seu Deus, e El vendeunos a Sísera, xeneral do exército de Hasor, e entregounos na man dos filisteos e do rei de Moab, que lles fixeron a guerra. [10]Entón berraron cara ao Señor e confesaron: "Pecamos deixando o Señor e servindo os baais e as axtartés. Agora líbranos da man dos nosos inimigos e servirémoste a ti". [11]O Señor mandou a Ierubaal, a Barac, a Iefté e a Sansón, librouvos da man dos inimigos do arredor e puidestes vivir tranquilos. [12]Mais, cando vistes que Nahax, rei dos amonitas, viña contra vós, dixéstesme: "Non. Queremos ser gobernados por un rei", sendo que o voso rei é o Señor, voso Deus. [13]Agora aí tedes o rei que vós pedistes e escollestes. Nel o Señor deuvos un rei. [14]Se temedes o Señor e o servides, se obedecedes e non sodes rebeldes, se vós e o rei que reine sobre vós seguides o Señor, voso Deus, iravos ben. [15]Pero se non obedecedes o Señor e se sodes rebeldes, a man do Señor pesará duro sobre vós, coma sobre vosos pais. [16]Agora dispóndevos a asistir ao gran milagre que o Señor vai facer diante de vós. [17]Non estamos no tempo da seitura? Pois vou invocar o Señor, para que mande vir tronos e choiva. Con iso darédesvos conta da gran maldade que cometestes aos ollos do Señor pedíndolle un rei.

[18]Samuel invocou o Señor e, naquel mesmo día, mandou o Señor tronos e choiva. O pobo todo, cheo de medo do Señor e de Samuel, [19]díxolle a este: –Pídelle ao Señor, o teu Deus, para que estes teus servos non morran, pois aos pecados que xa tiñamos, engadimos agora a maldade de pedir un rei.

[20]Samuel díxolle ao pobo: –Non temades. Cometestes esa maldade; pero agora non vos afastedes do Señor e servídeo con todo

**11**, 12-14 Aquí encóntranse as dúas versións da orixe da monarquía.

**11**, 15 Conseguida a vitoria, o pobo recoñece a Xaúl como rei. Na outra versión xa o fixera (**10**, 24). Para Oseas a coroación de Xaúl é o pecado orixinal da monarquía (Os **8**, 4; **9**, 15).

**12** Este derradeiro c. da versión crítica da monarquía presenta a Samuel despedíndose cun acto de culto parecido ao de Xosué en Xos **23-24**. En Samuel retírase a xudicatura diante da monarquía. Pero Samuel fai recoñecer ao pobo todo o seu pecado por pedir un rei. A valoración teolóxica é da escola deuteronomista.

**12**, 2-6 A xusta conduta de Samuel, recoñecida polo pobo.

**12**, 7-15 Polo contrario, non se pode dicir o mesmo da conduta do pobo, fronte aos bens que Deus lle fixo desde Exipto ata hoxe. Pero o mesmo o pobo ca o seu rei quedan agora postos diante da opción do que ha ser a súa vida.

**12**, 16-19 Teofanía que arrinca do pobo unha confesión e un movemento de penitencia.

**12**, 20-25 Samuel conforta, advirte, anuncia e promete a súa intercesión.

o corazón. [21]Non vos arrededes del para ir
detrás de vaidades, que non son de proveito
e non salvan, pois son só vaidade. [22]O Señor
non rexeita o seu pobo, por mor do seu mes-
mo nome. O Señor quixo que vós forades o
seu pobo. [23]En canto a min, líbreme Deus
do pecado de deixar de pregar por vós e de
mostrarvos o bo camiño. [24]Temede o Señor
e servídeo de verdade e de corazón, pois ben
vedes os grandes favores que vos fixo. [25]Se
obrades mal, pereceredes, vós e o voso rei.

### A ameaza filistea

**13** [1]Xaúl tiña os seus anos cando empezou
a reinar e reinou vinte e dous anos so-
bre Israel. [2]Escolleu para si tres mil israelitas. Dous mil estaban con el en Micmás e na montaña de Betel e os outros mil estaban con Ionatán, en Gueba de Benxamín. Ao resto do pobo mandouno para as súas casas.

[3]Ionatán destruíu o posto filisteo que había en Gueba e os filisteos soubérono. Xaúl mandou tocar a trompeta por todo o país para dicir: "Que os hebreos escoiten". [4]Todo Israel oíu dicir que Xaúl destruíra o posto dos filisteos e que Israel rompera con eles. O exército reuniuse con Xaúl en Guilgal.

[5]Os filisteos reuníronse tamén para lle facer a guerra a Israel. Contaban con tres mil carros, seis mil de cabalaría e un exército de a pé coma a area das praias. Subiron a acampar en Micmás ao leste de Bet-Aven. [6]Os israelitas víronse en apuros, porque estaban cercados; e agochábanse en covas e nas fendas das rochas, en buratos e en pozos. [7]Algúns pasaron o Xordán, cara ao país de Gad e de Galaad.

Xaúl seguía en Guilgal, mais a xente que estaba con el arreguizaba co medo. [8]Agardou sete días, o prazo fixado por Samuel. Pero Samuel non daba chegado a Guilgal e a xente empezaba a espallarse. [9]Entón dispuxo Xaúl: –Traédeme as vítimas para o holocausto e para o sacrificio de comuñón.

E ofreceu el o holocausto.

### Samuel condena a Xaúl

[10]Cando acababa de ofrecer o holocausto, presentouse Samuel. Xaúl saíulle ao encontro e saudouno. [11]Samuel preguntoulle: –Que fixeches?

E Xaúl respondeulle: –Ao ver que o pobo se espallaba, que ti non chegabas no prazo fixado e que os filisteos se concentraban en Micmás, [12]pensei para min: agora os filisteos botaránseme enriba, en Guilgal, sen ter eu aínda aplacado o Señor. E atrevinme a ofrecer o holocausto.

[13]Samuel díxolle a Xaúl: –Obraches coma un necio. Se seguises as ordes que o Señor, o teu Deus, che deu, o Señor fincaría para sempre o teu reinado sobre Israel. [14]Pero agora o teu reinado non se manterá. Xa que ti non obedeciches as ordes do Señor, o Señor buscou un home do seu gusto e decidiu que fose el o xefe do seu pobo.

### O encontro cos filisteos

[15]Samuel subiu de Guilgal e seguiu polo seu camiño. O exército que lle quedara a Xaúl subiu con este ao encontro dos filisteos. De Guilgal dirixiuse a Gueba de Benxamín. Xaúl pasou revista á xente que estaba con el: eran uns seiscentos homes. [16]Xaúl, o seu fillo Ionatán e os homes que ían con eles, asentáronse en Gueba de Benxamín. Os filisteos, pola súa parte, acamparon en Micmás. [17]Do campamento filisteo saía unha forza de combate que se dividía en tres corpos: un colleu o camiño de Ofrah, cara ao país de Xual; [18]outro dirixiuse a Bet-Horón e o terceiro encamiñouse cara á fronteira que domina o val de Seboím, cara ao deserto.

[19]Daquela en todo o país de Israel non se atopaba un ferreiro. Os filisteos pretendían: Que non haxa quen lles forxe aos hebreos nin espada nin lanza. [20]E os israelitas tiñan que baixar onda os filisteos para aguzar as rellas do arado, as aixadas, as machetas e as fouces. [21]Afiar unha rella e unha aixada custáballes dous terzos de siclo, e un terzo unha macheta e unha cuña. [22]E sucedía que, no día da batalla, non se atopaba nas mans dos homes que ían con Xaúl e con Ionatán nin espada nin lanza, fóra da espada e da lanza que levaban eles os dous. [23]Un pelotón dos filisteos saíu cara ao desfiladeiro de Micmás.

**13** Capítulo composto de elementos heteroxéneos, no contexto das loitas filisteas.
**13**, 1 O Texto Masorético non dá os anos do rei ao comezo do seu reinado como adoita facer o deuteronomista (1 Re **14**, 21). Quizais o tiña e perdeuse.
**13**, 2 Xaúl, con eses homes, empeza a formar un exército.
**13**, 3 *O posto* pode entenderse como unha gornición de homes ou coma unha pedra chantada, un marco de fronteira.
**13**, 7-9 Xaúl debía agardar polo profeta (**10**, 8); pero a situación pono nervioso e non agarda.
**13**, 10-14 As razóns de Xaúl son verdadeiras. Pero a esixencia de obediencia non atende aquí a razóns. Esta condena de Xaúl na boca de Samuel prepara a máis explícita de **15**, 10ss, na que a familia de Xaúl é rexeitada. O ideal de quen tiña que ser o rei á fronte do pobo de Deus fai quizais imposible o cometido de Xaúl. Por outro lado, está xa facendo presión sobre el a figura do sucesor (v. 14).
**13**, 15-18 Desvantaxes dos israelitas fronte dos filisteos.
**13**, 19-23 O monopolio do ferro favorece aos filisteos.

### Fazaña de Ionatán

**14** [1]Un día Ionatán, o fillo de Xaúl, díxolle
ao seu escudeiro: –Ven e acheguémonos ao posto dos filisteos naquela banda de alá.

A seu pai non lle dixo nada. [2]Xaúl estaba apostado nas aforas de Gueba, por baixo da milgranda de Migrón. Había coma seiscentos homes ao seu lado. [3]Levaba o *efod* Ahías, fillo de Ahitub, irmán de Icabod, fillo de Pinhás, fillo de Elí, sacerdote do Señor en Xiloh. A xente non se deu conta da marcha de Ionatán. [4]A valgada que Ionatán quería atravesar para chegar ao posto filisteo tiña por cada lado un saínte rochoso: un chamábase Bosés e o outro Séneh. [5]O do norte miraba cara a Micmás e o do sur cara a Gueba.

[6]Ionatán díxolle ao seu escudeiro: –Ven, acheguémonos ao posto deses incircuncisos. Quizais faga o Señor algo por nós, pois a el nada lle impide dar a vitoria, o mesmo aos moitos coma aos poucos.

[7]O escudeiro respondeulle: –Fai o que che suxira o corazón. Eu estou aquí para o que ti queiras.

[8]Ionatán decidiu entón: –Imos pasar onda eses homes deixando que eles nos vexan. [9]Se nos din: "Alto aí!, ata que cheguemos onda vós", nós ficaremos quedos e non subiremos ata onda eles. [10]Mais se nos din: "Subide onda nós", nós subiremos, pois o Señor entréganolos nas mans. Ese será o sinal.

[11]Entón deixáronse ver polos filisteos, que dixeron: –Mirade. Hebreos que saen dos tobos, onde se agochaban. [12]E desde o posto berráronlles a Ionatán e ao seu escudeiro: –Subide onda nós, que vos temos que dicir unha cousa.

Ionatán díxolle entón ao escudeiro: –Sube detrás de min. O Señor vai entregalos nas mans de Israel.

[13]Ionatán subiu, agatuñando coas mans e cos pés, e o escudeiro detrás del. Os filisteos que caían diante de Ionatán rematábaos detrás o escudeiro. [14]Nesa primeira batida que deron Ionatán e o seu escudeiro, morreron coma vinte homes en media fanega de terra. [15]O medo arrepiou a todo o exército filisteo, no campamento e no posto, mesmo nas forzas de combate. A terra tremeu, collida dun sacro terror.

[16]Desde Gueba de Benxamín as sentinelas de Xaúl viron que as xentes filisteas rebulían e fuxían dun lado para o outro. [17]Xaúl díxolles aos homes que o seguían: –Pasade revista e vede quen dos nosos marchou.

Pasaron revista e faltaban Ionatán e o seu escudeiro. [18]Xaúl díxolle entón a Ahías: –Trae aquí o *efod*. (Pois, daquela, levaba Ahías o *efod* en Israel).

[19]Mentres falaba Xaúl co sacerdote, no campamento filisteo medraba o barullo. Xaúl díxolle ao sacerdote: –Aparta a túa man.

[20]Xaúl reuniu o seu exército, dirixiuse ao lugar do combate e viron os filisteos nunha gran barafunda, erguendo a espada uns contra os outros. [21]Os hebreos que desde antes pertencían ao exército filisteo e que subiran con el ao campamento, pasáronse aos israelitas de Xaúl e de Ionatán. [22]E todos os homes de Israel, que estaban agochados na montaña de Efraím, desde que oíron que os filisteos escapaban fuxindo, xuntáronse eles tamén cos que os ían perseguindo. [23]Aquel día salvou o Señor a Israel. O combate seguiu ata Bet-Aven.

### O voto de Xaúl

[24]Os homes de Israel estaban esgotados aquel día, porque Xaúl fixera sobre eles esta imprecación: –Maldito o que probe bocado ata a tarde, primeiro de que eu me vingue dos meus inimigos.

E ninguén probou bocado. [25]Mais chegaron a un bosque onde había mel polo chan. [26]Ao entraren no bosque, os soldados viron correr o mel; pero ninguén se atreveu a levalo coa man á boca por medo do xuramento. [27]Ionatán non oíra que o seu pai impuxera ao pobo o xuramento. Tendeu a vara que tiña na man, molloulle a punta no mel e levouna á boca. Os ollos relucíronlle. [28]Un dos soldados informouno: –Teu pai impúxolle ao exército esta imprecación: "Maldito o que probe hoxe bocado, mesmo se a xente está fatigada".

[29]Ionatán respondeu: –Meu pai fíxolle dano ao país. Vede como me brillan os ollos só porque probei ese chisco de mel. [30]Se os

**14** Triunfo de Ionatán e tropezo de Xaúl. A fazaña de Ionatán remata cunha importante vitoria de Israel. Xaúl perde diante do pobo, que defende a Ionatán. Non concedera Deus a vitoria por medio del?

**14**, 3 *O efod* do sacerdote é un medio de consulta ao Señor (**23**, 9; **30**, 7). Ao final do c. verase a súa resposta (vv. 36-42).

**14**, 4 Os nomes dos rochedos queren dicir o esvaradoiro e o espiñento, respectivamente.

**14**, 8-10 Ionatán quere ver no que fagan os filisteos un sinal do que Deus lle di. Enténdese que lle pide a Deus que faga verdade ese sinal. Parecido en Xén **24**, 12ss e Xuí **6**, 36ss.

**14**, 16-23 A vitoria de Ionatán séguelle a do exército de Xaúl, tamén recoñecida como regalo de Deus.

**14**, 24 O voto de Xaúl é coma unha ofrenda a Deus, pedindo a vitoria.

**14**, 29s O voto, un erro de Xaúl, como di Ionatán. O narrador converteuno no tema do c. **14**, 31-35 A lei manda desangrar as vítimas, para podelas comer; no sangue está a vida (Lev **19**, 26; Dt **12**, 16).

soldados comesen dos despoxos que se lles colleron aos inimigos, non sería hoxe maior a desfeita dos filisteos?

[31]Aquel día bateron nos filisteos desde Micmás ata Aialón; pero a xente acabou esfameada. [32]Botaron man do botín, colleron ovellas, vacas e tenreiros, sacrificáronos no chan e comeron a carne co sangue. [33]Déronlle aviso a Xaúl: –Mira que o pobo peca contra o Señor comendo carne co sangue.

Xaúl dixo: –Iso é un pecado. Facede arrolar para acó unha pedra grande. [34]E dispuxo: –Ide por entre a xente e dicídelle a cada un que traia aquí o seu boi e a súa ovella. Degolarédelos para comelos, e non pequedes contra o Señor, comendo a carne co sangue.

Aquela noite cada un veu co que tiña e degolárono alí. [35]Xaúl edificoulle un altar ao Señor. Foi o primeiro que edificou. [36]Despois propuxo Xaúl: –Baixemos tras dos filisteos esta noite. Saquearemos ata o amencer e que non quede sequera un.

E respondéronlle: –Fai o que che pareza!

Pero os soldados dixeron: –Consultemos primeiro con Deus.

### A consulta das sortes

[37]Xaúl consultou con Deus: –Debo baixar en persecución dos filisteos? Entregaralos nas mans dos israelitas?

Pero non houbo resposta aquel día. [38]Entón ordenou Xaúl: –Achegádevos aquí os xefes todos do exército e pescudade quen cometeu hoxe un pecado. [39]Porque, pola vida do Señor, salvador de Israel, que aínda que fose o meu fillo Ionatán, tería que morrer.

Pero ninguén lle respondeu unha palabra. [40]Xaúl díxolle entón ao exército israelita: –Vós todos porédesvos dun lado e eu e o meu fillo Ionatán porémonos do outro.

O exército respondeulle: –Fai como che pareza.

[41]Entón Xaúl preguntoulle ao Señor: –Deus de Israel, por que non respondes hoxe ao teu servo? Se somos culpables eu ou o meu fillo Ionatán, fai que saia *urim*, e se o é o exército de Israel, que saia *tummim*.

E a sorte caeu en Ionatán e en Xaúl, quedando o exército libre. [42]Xaúl mandou entón: –Botade as sortes entre min e o meu fillo Ionatán.

E tocoulle a Ionatán. [43]Xaúl díxolle a Ionatán: –Cóntame o que fixeches.

Ionatán respondeulle: –Probei un chisco de mel coa punta do pau que levaba na man. Estou pronto para morrer.

[44]Xaúl xurou: –Que Deus me castigue, se non morres, Ionatán.

[45]Pero os soldados dixéronlle a Xaúl: –Como vai morrer Ionatán, despois de acadar esta vitoria para Israel? De ningunha maneira! Vive o Señor que non caerá por terra un cabelo da súa cabeza, pois Deus obrou hoxe por el.

Dese xeito o exército salvou a vida de Ionatán, que non morreu. [46]Xaúl deixou de perseguir os filisteos, que tornaron para a súa terra.

### Síntese do reino de Xaúl

[47]Desde que tomou posesión da realeza, Xaúl loitou contra os inimigos do arredor de Israel, os moabitas, os amonitas e os edomitas, o rei de Sobah e os filisteos. Por onde foi sempre venceu. [48]Era home valente. Venceu aos amalecitas e librou a Israel dos que o tiñan asoballado.

[49]Os fillos que tivo, foron: Ionatán, Ixví e Melquixúa. Das súas dúas fillas, a máis vella chamábase Merab e a máis nova Micol. [50]A súa muller chamábase Ahinoam, filla de Ahimaas. O xeneral do seu exército chamábase Abner, fillo de Ner, tío de Xaúl. [51]O pai de Xaúl, Quix, e Ner, pai de Abner, eran fillos de Abiel. [52]Durante todo o reinado de Xaúl houbo guerra cos filisteos. Todos os homes fortes e valentes que vía, Xaúl levábaos consigo.

### Xaúl vence aos amalecitas

**15** [1]Samuel faloulle a Xaúl: –O Señor mandoume que te unxise rei do seu pobo Israel. Xa que logo, escoita a palabra do Señor. [2]O Señor dos exércitos di isto: Voulle pedir contas a Amalec do que fixo con Israel, atacándoo, cando este subía de Exipto. [3]Vai, logo, pelexa contra Amalec, destrúe todo o que ten e non teñas dó del. Mátalle homes e mulleres, rapaces e nenos de peito, bois e ovellas, camelos e burros.

**14**, 41 Completado á vista da tradución dos Setenta. "Urim" e "tummim" son os nomes que levaban as sortes. Espérase que aclaren quen ten agora a culpa de que Deus non responda. Manéxaas o sacerdote que leva o efod.
**14**, 47 Esta síntese do reinado deixa ver que a historiografía de Xaúl se concentrou nunhas poucas anécdotas, mesmo se había máis cousas que contar. O mesmo no caso de Samuel (**7**, 13-15) e no de David (2 Sam **8**).

**15** A guerra cos amelecitas deu lugar á segunda condena de Xaúl. A primeira, menos formal (**13**, 10-15), veu seguida polo erro do voto de Xaúl; a segunda, definitiva, vai seguida do tráxico conflito de Xaúl con David. Esta non sabe daquela.
**15**, 1-3 O rei, unxido do Señor, debe levar a cabo os proxectos de Deus. Os amalecitas eran nómades, inimigos de Israel desde atrás (Éx **17**, 8-16; Dt **25**, 17-19).

4Xaúl reuniu o exército e revistouno en
Telaim. Eran douscentos mil de infantaría
e dez mil homes de Xudá. 5Xaúl acercouse
ás cidades de Amalec e puxo trapelas nas
congostras. 6Mandoulles dicir aos quenitas:
–Arredádevos de onda os amalecitas, para
non arrasarvos canda eles, pois vosoutros ti-
vestes dó dos israelitas, cando estes subían
de Exipto.

E os quenitas arredáronse de xunto os
amalecitas.

7Xaúl venceu a Amalec, desde Havilah,
segundo se vai para Xur, na fronteira, ao
leste de Exipto. 8Colleu vivo a Agag, rei de
Amalec, a todo o pobo pasouno polo coitelo.
9Xaúl e o seu exército perdoáronlle a vida a
Agag e ás mellores ovellas e vacas, ao gando
cebado, aos cordeiros e a todo o que era bo, e
non os exterminaron. Só consagraron ao ana-
tema o desprezable e de pouco valor.

**Segunda condena de Xaúl**

10Samuel recibiu, daquela, esta palabra do
Señor: 11–Pésame ter feito rei a Xaúl, pois anda
afastado de min e non cumpre as miñas ordes.

Samuel entristeceuse e pasou toda a noi-
te clamando perante o Señor. 12Pola mañá
ergueuse cedo para ir ao encontro de Xaúl.
Pero entón informárono de que Xaúl marcha-
ra a Carmel, que levantara alí unha estela e
que, despois, dera a volta e baixara a Guilgal.
13Samuel presentouse onda Xaúl e este díxo-
lle: –Que o Señor te bendiga. 14Cumprín o
que mandara o Señor.

Mais Samuel preguntoulle: –E que son
eses beos de ovella que oio e eses brúos de
boi que sinto?

15Xaúl respondeulle: –Trouxéronos de onda
Amalec. O exército perdooulle a vida ao me-
llor dos rabaños e dos gandos, para ofrecer
sacrificios ao Señor, o teu Deus. O resto consa-
grámolo ao anatema.

16Samuel díxolle a Xaúl: –Déixame que
che anuncie o que esta noite me dixo o Señor.

E el díxolle: –Fala.

17Samuel dixo: –Aínda que te consideres
pequeno, ti es a cabeza das tribos de Israel,
pois o Señor unxiute por rei de Israel. 18O Se-
ñor mandoute por este camiño, con esta orde:
"Vai e consagra ao anatema aos amalecitas,
pecadores; combáteos, ata acabares con eles".
19Por que non obedeciches ao Señor? Por que
retiveches os espolios, facendo o que desa-
grada ao Señor?

20Xaúl respondeulle a Samuel: –Que non
obedecín ao Señor? Eu fun polo camiño que
el me sinalou; trouxen a Agag, rei de Amalec,
e aos amalecitas consagreinos ao anatema.
21Se o exército colleu dos espolios ovellas e
bois, a primicia do consagrado ao anatema,
foi para ofrecer sacrificios en Guilgal ao Se-
ñor, o teu Deus.

22Samuel dixo entón: –Quere o Señor holo-
caustos e sacrificios ou prefire que o obedezan?

Certamente a obediencia
vale máis ca os sacrificios,
a docilidade, máis ca o lardo dos carneiros.
23A rebeldía é coma pecado de feiticeiros,
a teimosía, coma delito de idolatría.
Xa que ti rexeitaches a orde do Señor,
o Señor rexéitate a ti como rei.

24Xaúl confesoulle a Samuel: –Pequei, tras-
pasando o mandado do Señor e tamén a túa
palabra. Tiven medo do exército e consentín
no que pedía. 25Agora perdoa o meu pecado e
dá a volta comigo, que quero adorar o Señor.

26Samuel respondeulle: –Non quero vol-
ver contigo. Xa que ti rexeitaches a orde do
Señor, o Señor rexéitate a ti, para que non
reines sobre Israel.

27Samuel deu a volta para marchar e Xaúl
apreixoulle a punta do manto e esgazoullo.
28Samuel díxolle: –O Señor arríncache hoxe
o reino de Israel para darllo a outro mellor ca
ti. 29O que é gloria de Israel non mente nin se
volve atrás, pois non é un home para ter que
arrepentirse.

30Xaúl dixo: –Pequei. Pero salva a miña
honra diante dos vellos do meu pobo e diante
de Israel, e volve comigo, que quero adorar o
Señor, o teu Deus.

31Samuel volveu con Xaúl e este adorou o
Señor. 32Samuel ordenou despois: –Traéde-
me a Agag, rei dos amalecitas.

**15**, 6 *Os quenitas*, vellos amigos de Israel (Núm **10**, 29-32; Xuí **1**, 16; **4**, 11). Saldo de contas con amigos e con inimigos?

**15**, 9 O "hérem", anatema, requiría a destrución de todo como holocausto a Iavé. Nin sequera a boa intención de ofrecer sacrificios xustifica perdoar a vida a persoas e a animais. Hai aquí un conflito de valores, que nin Xaúl nin os seus soldados parecen entender. Por iso a culpa de Xaúl reviste cores tráxicas.

**15**, 10 Na palabra de Samuel está claro o imperativo do sometemento ás ordes de Iavé.

**15**, 22s A desobediencia é vista aquí como idolatría, culto a outras razóns, fóra das ordes de Deus. A obediencia, mellor ca os sacrificios (Is **1**, 11-17; Am **5**, 21-24).

**15**, 24-26 Xaúl confesa e pide perdón. Pero nin iso nin que Xaúl se aferre a Samuel quita que o profeta o rexeite no nome de Deus.

**15**, 28 A sombra de David estase metendo na historia de Xaúl. Os ollos do profeta xa se van deste cara a aquel.

**15**, 32s Samuel cumpre coa lei do anatema. A conciencia moral verá un día a inmoralidade desa lei relixiosa.

Cuberto de cadeas, Agag acercóuselle e
dixo: –A amargura da morte está pasando
agora mesmo.
[33]Samuel respondeulle: –Do xeito como a
túa espada deixou mulleres sen fillos, agora
queda coma elas sen fillos túa nai.

E Samuel fíxoo anacos en Guilgal na pre-
senza do Señor. [34]Samuel volveu para Ramah
e Xaúl subiu para a súa casa, en Guibah de
Xaúl. Samuel non volveu ver a Xaúl na súa
vida. Pero estaba aflixido por el, porque lle
pesara ao Señor facelo rei de Israel.

## III. XAÚL E DAVID

### Samuel unxe a David

**16** [1]O Señor faloulle a Samuel: –Ata cando
estarás aflixido por Xaúl, sendo que
eu o rexeitei como rei de Israel? Énche o cor-
no de óleo e vaite, de parte miña, onda Ixaí,
o de Belén, pois escollín un rei entre os seus
fillos.
[2]Samuel respondeu: –Como farei para ir?
Saberao Xaúl e matarame.
O Señor díxolle: –Leva contigo unha xo-
venca e di que vas ofrecer un sacrificio ao
Señor. [3]Convida a Ixaí ao sacrificio e eu di-
reiche o que has facer; unxirás a quen eu che
diga.
[4]Samuel fixo o que lle mandaba o Señor.
Ao chegar a Belén, os anciáns da cidade saí-
ronlle inquedos ao encontro e preguntáron-
lle: –Vés para ben?
[5]El respondeulles: –Para ben. Veño ofre-
cer un sacrificio ao Señor. Purificádevos e
vide comigo ao sacrificio.
Logo fixo que se purificasen Ixaí e os seus
fillos e convidounos ao sacrificio. [6]Cando
chegaron e viu a Eliab, pensou: De seguro
que o Señor ten diante de si o seu unxido.
[7]Pero o Señor díxolle a Samuel: –Non te fi-
xes no seu bo ver, nin na súa estatura. Ese
está excluído, pois Deus non olla coma os
homes. Os homes ven as aparencias, pero
Deus ve o corazón.
[8]Ixaí chamou entón a Abinadab e fíxoo
pasar diante de Samuel. Pero Samuel dixo:
–Tampouco a este non o escolleu o Señor.
[9]Ixaí fixo pasar logo a Xamah e Samuel
dixo: –O Señor non escolleu tampouco a este.
[10]Ixaí fixo pasar a sete dos seus fillos á vis-
ta de Samuel e Samuel dixo: –Ningún destes
é o escollido do Señor.
[11]Samuel preguntoulle a Ixaí: –Xa non tes
máis rapaces?
E el respondeulle: –Queda aínda o peque-
no, que está gardando as ovellas.
Samuel díxolle: –Pois manda que o traian,
xa que non nos sentaremos á mesa ata que el
chegue.
[12]Ixaí mandou que o fosen buscar. Era louro,
de ollos fermosos e de bo parecer. O Señor
dixo a Samuel: –Érguete e únxeo, pois é este.
[13]Samuel colleu o corno do óleo e unxiu-
no diante de seus irmáns. Desde aquel intre e
en adiante o espírito do Señor apoderouse de
David. Despois Samuel volveu para Ramah.

### David na corte de Xaúl

[14]O espírito do Señor retirouse de Xaúl e
un mal espírito de parte do Señor comezou
a atormentalo. [15]Dixéronlle os seus servido-
res: –Mira que te atormenta un mal espírito.
[16]Que o noso Señor o dispoña, e nosoutros,
os teus servos, buscaremos alguén que saiba
tocar a arpa. Cando se meta en ti o mal espí-
rito, tocaraa e mellorarás.
[17]Xaúl respondeulles: –Procurádeme, pois,
alguén que saiba tocar e facédemo vir.
[18]Niso repuxo un dos criados: –Eu coñezo
un fillo de Ixaí, o de Belén, que sabe tocar. É

**16** Coa unción de David empeza a carreira ascendente deste rei e o esmorecemento da persoa e do reino de Xaúl, para que se cumpra a palabra de Samuel que o rexeitou. Parece que todos saben, e pouco a pouco vano dicindo, quen será o futuro rei. Ese final seguro estase metendo xa dentro da historia desde lonxe. Máis que a historia de Xaúl, é a historia do ascenso de David. Os relatos dan xogo á causalidade intrahistórica, pero tamén dan a entender que Deus move os seus fíos. Cando parece que David se está afastando da súa meta, en realidade estase achegando.

**16**, 1 Esta unción do rapaz David non se recorda despois na súa historia. É coma un avance profético do final, que lle confire a todos os feitos un sentido desde o principio. Como que Deus colleu a iniciativa en toda a carreira de David. Mentres a historia de Xaúl é a dun rexeitado, a de David é a dun elixido.

**16**, 4 Os de Belén reciben inquedos ao profeta, pois nunca se sabe se a súa chegada é para ben ou para mal. Aquí aclárase que é o primeiro.

**16**, 6-13 A iniciativa de Deus na elección sublíñase co feito de que ninguén sabe quen é o elixido.

**16**, 14 *O espírito do Señor* é o que fai do home un servidor dos proxectos de Deus. O mal espírito non é un poder autónomo; está tamén sometido ao poder de Iavé (**18**, 2; **19**, 9; 1 Re **22**, 19-23). Neste caso trátase dunha enfermidade que lle veu a Xaúl.

**16**, 18 Esta é unha das versións da entrada de David no pazo de Xaúl. Outra versión dirá que Xaúl coñeceu a David cando este matou a Goliat (c. **17**). A amizade empeza como casualmente e vai a máis, ata que rompe, por parte de Xaúl.

un rapaz valente e bo guerreiro, que fala ben
e que é de bo parecer; e o Señor está con el.
19Xaúl mandou recadeiros a Ixaí con este
encargo: "Mándame o teu fillo David, o que
garda o rabaño". 20Ixaí colleu o burro, cunha
fogaza de pan, un pelello de viño e un ca-
buxo, e mandoullo a Xaúl polo seu fillo Da-
vid. 21Chegado David onda Xaúl, púxose ao
seu servizo. Xaúl colleulle cariño e fíxoo o
seu escudeiro. 22Xaúl mandoulle recado a
Ixaí: "Rógoche que deixes quedar comigo a
David, pois cáeme ben". 23Cando o mal es-
pírito lle viña a Xaúl, David tocaba a arpa.
Xaúl sentía melloría. O mal espírito afastá-
base del.

**David e Goliat**

**17** 1Os filisteos reuniron os seus exércitos
para a guerra, concentráronse en So-
coh de Xudá e acamparon en Efesdamim,
entre Socoh e Azecah. 2Tamén Xaúl reuniu
os israelitas e acamparon no val da Aciñei-
ra, dispostos en orde de batalla, fronte dos
filisteos. 3Os filisteos estaban apostados na
aba dun monte e os israelitas na do outro, co
val entre os dous. 4Das ringleiras dos filisteos
saía un home dos de choque que se chamaba
Goliat, nado en Gat, de case tres metros de
alto. 5Levaba un helmo de bronce na cabe-
za e ía vestido cunha coiraza de escamas, de
bronce, de cinco mil siclos de peso. 6As per-
nas levábaas cubertas de perneiras de bronce
e ía cun mallo de bronce ás costas. 7O cabo
da súa lanza era coma o rolo do tecelán; a
súa punta, de ferro, pesaba seiscentos siclos.
Diante del ía o escudeiro. 8Chantábase cara
ás ringleiras do exército israelita e berraba:
–Por que vos dispondes todos para o comba-
te? Non son eu un filisteo e vosoutros os ser-
vos de Xaúl? Escollede un dos vosos e que
baixe onda min. 9Se é home de pelexar co-
migo e me mata, seremos os vosos escravos;
mais, se podo eu nel e o mato, seredes vós
escravos nosos e quedaredes ao noso servizo.
10E dixo aínda o filisteo: –Eu desafío hoxe
ao exército de Israel. Mandádeme un home
que pelexe comigo.

11Cando Xaúl e os israelitas oíron o que
dicía o filisteo, morrían de medo. 12David era
fillo dun efrateo de Belén de Xudá, que se
chamaba Ixaí e que tiña oito fillos. Nos días
de Xaúl, ese home era xa vello, moi entra-
do en anos. 13Os seus tres fillos máis vellos
marcharan á guerra, seguindo a Xaúl. O pri-
meiro dos tres chamábase Eliab, o segundo
Abinadab e o terceiro Xamah. 14David era
o máis novo; os tres máis vellos seguían a
Xaúl. 15David ía e viña do campamento de
Xaúl a Belén, para alindar os rabaños de seu
pai. 16Entrementres, o filisteo acercábase e
fincábase diante de Israel, mañá e tarde; e iso
xa por corenta días. 17Ixaí mandoulle ao seu
fillo David: –Colle esta tega de gran torrado
e estes dez pans e chégate ao campamento,
xunto dos teus irmáns; 18leva para o xefe es-
tes dez queixos. Infórmate de se están ben
teus irmáns e trae contigo un sinal deles.
19Xaúl, os irmáns de David e todo Israel
estaban no val da Aciñeira, loitando cos fi-
listeos. 20David ergueuse cedo, encomen-
doulle a un pastor a garda do rabaño, cargou
as cousas e foise, conforme seu pai Ixaí lle
ordenara. Chegando el ao campo dos carros,
saía o exército e púñase en orde de batalla,
dando o berro de guerra. 21Israelitas e fili-
steos aliñáronse para o combate, uns enfronte
dos outros. 22David deixou as cousas ao car-
go dos que gardaban a bagaxe e foi correndo
ás ringleiras preguntarlles aos irmáns pola
saúde. 23Mentres falaba alí con eles, saíu das
ringleiras filisteas o valente de Gat, chama-
do Goliat. Repetiu as palabras de sempre e
David puido oílo. 24Os israelitas, en canto o
viron, fuxían, mortos de medo. 25Un israeli-
ta aclarou: –Vedes ese home que se adianta?
Vén para desafiar a Israel. A quen o mate, o
rei cubrirao de riquezas, daralle a súa filla por
muller e escusará á súa familia de pagar tri-
buto en Israel.
26David preguntoulles aos homes que esta-
ban alí onda el: –Que lle darán a quen mate
a ese filisteo e tire esa aldraxe de Israel? E
quen é ese filisteo incircunciso, que ousa in-
sultar as hostes do Deus vivo?

**16**, 23 O espírito de Deus refuga o mal espírito de Xaúl pola música de David, que ten forza para curar.
**17** Esta historia impresiona polo ben contada que está, pero tamén polo seu contido, unha loita singular entre dous inimigos prototípicos. O poderoso é a forza bruta, que se abonda consigo mesma; o feble ten da súa parte a arte e a graza. Segundo 2 Sam **21**, 19, foi Elhanán de Belén, un heroe de David, quen matou a Goliat. Quizais David matou un filisteo, que despois se identificou con Goliat. Por este glorioso feito o relato di que entrou David no pazo de Xaúl, sen recordo ningún para o rapaz que tocaba a arpa (**16**, 18-23).
**17**, 1-3 Presenta a situación de guerra entre Israel e os filisteos.
**17**, 8-11 No combate singular un home de cada bando ou uns poucos por cada contendente deciden a sorte do combate (2 Sam **2**, 14ss).
**17**, 12ss O narrador presenta a Goliat e despois a David. A historia non foi harmonizada co c. **16**; no v. 15 parece haber un intento de facelo.

[27]Os soldados dixéronlle o sabido: "A quen o mate daranlle ese premio".
[28]Cando Eliab, o irmán máis vello, oíu a David falando cos soldados, enfadouse con el e díxolle: –A que viñeches ti aquí? A quen lle encargaches as túas catro ovellas no deserto? Eu coñezo ben o teu atrevemento e a túa malicia. Viñeches ver o combate.
[29]David respondeulle: –Que é o que fixen agora? Que era, senón unha pregunta?
[30]David retirouse de alí cara a outro lado e preguntou outra vez. E os soldados déronlle a mesma resposta. [31]Moitos oíron as palabras que dixera David e puxérono en coñecemento de Xaúl, quen mandou que o trouxesen onda el. [32]David díxolle a Xaúl: –Ninguén se aflixa por ese. O teu servo irá loitar contra ese filisteo.
[33]Xaúl díxolle a David: –Non podes loitar contra ese filisteo, pois ti es un rapaz e el é un guerreiro desde neno.
[34]David respondeulle: –O teu servo é pastor das ovellas de seu pai. Se chega o león ou o oso e leva unha ovella do rabaño, [35]eu saio correndo detrás del, zóupolle e arríncolla da boca. Se el se repón contra min, agárroo polas queixadas e doulle, ata matalo. [36]O teu servo ten matado tanto leóns coma osos. Ese filisteo incircunciso será coma outro deles, por desafiar as hostes do Deus vivo. [37]E David engadiu: –O Señor que me librou das gadoupas do león e do oso, hame librar tamén das mans dese filisteo.
Xaúl díxolle: –Vai e que o Señor vaia contigo.
[38]Xaúl vestiulle a David a súa roupa, púxolle un casco de bronce na cabeza, revestiuno coa súa coiraza e cinguiulle, por riba dela, a súa espada. [39]David tratou de camiñar, pero non estaba afeito a iso e díxolle a Xaúl: –Con isto non podo camiñar porque non estou afeito.
E quitou todo de encima. [40]Despois colleu o seu caxato, escolleu cinco coios do regato e meteunos no seu foleco; e coa tirafonda na man chegouse onda o filisteo. [41]O filisteo, da súa parte, adiantouse tamén cara a David, precedido do seu escudeiro. [42]Axiña que o filisteo mirou e viu a David, desprezouno, pois non era máis ca un rapaz, louro e fermoso. [43]E berroulle: –Seica son eu un can, para que veñas cara a min cunha caxata?
E maldiciu a David no nome dos seus deuses. [44]Despois o filisteo chamou a David: –Ven acó, que vou botar a túa carne aos paxaros do ceo e ás feras do monte.
[45]David respondeulle: –Ti vés cara a min con espada, con lanza e con venabre, mentres eu vou cara a ti no nome do Señor dos exércitos, o Deus das hostes de Israel, a quen ti aldraxaches. [46]Hoxe porate o Señor nas miñas mans e eu matareite e cortareiche a cabeza. Botareilles os cadáveres do exército filisteo aos paxaros do ceo e ás feras da terra e recoñecerá todo o mundo que hai un Deus en Israel. [47]Toda esta xente aprenderá que o Señor non outorga a vitoria ás espadas e ás lanzas. O Señor é dono da guerra e entregaravos nas nosas mans.
[48]O filisteo levantouse e adiantouse cara a David, mentres David saía correndo das ringleiras ao encontro do filisteo. [49]David meteu a man no seu foleco, sacou un coio, disparouno coa tirafonda e acertoulle na testa ao filisteo. O coio cravóuselle na testa e el caeu de fociños na terra. [50]David derrotou o filisteo coa tirafonda e o coio. Feriuno e matouno sen espada. [51]Despois David foi correndo, botouse sobre o filisteo, arrincoulle a espada da vaíña e rematouno, cortándolle con ela a cabeza. Cando viron morto o seu xefe, os filisteos saíron correndo. [52]Entón os soldados de Israel e de Xudá, dando o berro de combate, emprenderon a persecución dos filisteos ata a entrada de Gat e ata as portas de Ecrón. Moitos filisteos caeron mortos nese treito, no camiño de Xaraim. [53]Os israelitas deixaron de perseguir os filisteos e volveron para saquear o seu campamento. [54]David colleu entón a cabeza do filisteo e levouna a Xerusalén. As armas gardounas na súa tenda.
[55]Cando vira Xaúl que David saíra ao encontro do filisteo, preguntáralle a Abner, xeneral do seu exército: –Abner, de quen é fillo ese rapaz?
E Abner respondéralle: –Pola túa vida, meu rei, que non o sei.
[56]E o rei díxolle: –Pregunta de quen é fillo.
[57]Cando David viña de volta de matar o filisteo, Abner colleuno e presentoullo a Xaúl,

**17**, 17ss O narrador describe o marco da loita e vai pouco a pouco desatando a tensión.
**17**, 34ss O filisteo está aquí descrito como unha fera na categoría das feras, ás que David aprendeu de neno a vencer.
**17**, 48-51 Encontro impresionante do guerreiro e do pastor.
**17**, 52ss A vitoria singular faise xeral.
**17**, 55-58 Non concorda con **16**, 14ss nin con **17**, 12-30. Xaúl non coñece aínda a David.

coa cabeza do filisteo na súa man. [58]Xaúl preguntoulle: –De quen es fillo, rapaz?

E David respondeulle: –Do teu servo Ixaí de Belén.

### Afección de Ionatán por David

**18** [1]Acabada a conversa de David con Xaúl, Ionatán encariñouse con David. Quería-lle coma a si mesmo. [2]Xaúl retivo consigo a David desde aquel día e non o deixou volver para a casa do seu pai. [3]Ionatán fixo un pacto con David pois quería-lle coma a si mesmo. [4]Desprendeuse do manto que levaba e deullo a David. E co vestido deulle tamén a súa espada, o seu arco e mesmo o seu cinto. [5]David saía ben de todas as incursións que Xaúl lle encomendaba e o rei púxoo á fronte dos soldados. Fíxose querer de todo o exército e tamén dos ministros de Xaúl.

### Envexa de Xaúl

[6]Cando volvían das saídas, despois de que matase David ao filisteo, viñan ao encontro de Xaúl as mulleres de todas as cidades de Israel, cantando e danzando, ledas, con pandeiros e con ferreñas. [7]Danzaban, cantando a coro:

"Xaúl matou os seus mil,
pero David os seus dez mil".

[8]Xaúl enfadouse moito e pareceulle mal aquela copla. Pensaba: A David danlle dez mil e a min mil. Xa só lle falta o reino. [9]Daquel día en adiante Xaúl mirou con malos ollos a David.

[10]O día seguinte un mal espírito de Deus asaltou a Xaúl, que andaba atolado pola casa, mentres David tocaba a arpa, coma todos os días. Xaúl tiña a lanza na man [11]e arrebolouna querendo cravar a David contra a parede. David zafouse dela por dúas veces. [12]Xaúl colléralle medo a David, porque o Señor estaba con el, ao tempo que se afastaba de Xaúl. [13]Xaúl arredouno de onda el, facéndoo xefe de milleiro. David saía en expedicións á fronte do exército. [14]Calquera cousa que emprendese saía ben, porque o Señor estaba con el. [15]Ao ver Xaúl que David tiña tanto éxito empezou a recear del. [16]Pero en Israel e en Xudá todos lle querían ben, pois David era quen os guiaba nas súas expedicións.

### David, xenro de Xaúl

[17]Xaúl propúxolle a David: –Velaí tes a Merab, a miña filla máis vella. Voucha dar por muller, con tal que te mostres valente e loites nas guerras do Señor.

Xaúl matinara: Mellor que poñer eu nel as miñas mans, que o maten os filisteos. [18]David respondeulle a Xaúl: –Quen son eu e quen a familia de meu pai, para poder chegar a ser xenro do rei?

[19]Pero, chegado o momento de darlla a David por muller, Xaúl casou a Merab con Adriel de Meholah. [20]Ao tempo, Micol, filla de Xaúl, namorárase de David. Dixéronllo a Xaúl, que o aprobou. [21]Pensaba para os seus adentros: Dareilla e serviralle de trapela, para caer nas mans dos filisteos. Xaúl díxolle a David: –Por segunda vez hoxe podes facerte meu xenro. [22]E mandoulles aos seus servent es: –Dicídelle en confidencia a David: mira que o rei te estima e que os seus ministros te queren ben. Acepta ser xenro do rei.

[23]Os servidores de Xaúl repetiron esas palabras aos oídos de David. E David respondeulles: –Parécevos pouca cousa chegar a ser xenro do rei? Eu son un home pobre e de humilde condición.

[24]Os servidores de Xaúl leváronlle ao rei a resposta de David. [25]Entón mandou el que lle aclarasen: –Ao rei non lle importa tanto o dote que lle deas, canto cen prepucios de filisteos, para vingarse dos seus inimigos.

Xaúl contaba con que David caese nas mans dos filisteos. [26]Os servidores de Xaúl comunicáronlle a David as palabras do rei e a David pareceulle xusta a condición para se facer xenro do rei. [27]Non se cumprira aínda

**18** David crece á vista de todos. Xaúl cóllelle medo e empeza a cometer erros. David entra a fondo no terreo da familia real, pola súa amizade con Ionatán, polo amor de Micol e tamén polas encomendas que o mesmo Xaúl lle fai.

**18**, 4 Rito de pacto de amizade entre dúas persoas. O manto ou outra peza de roupa representa a persoa que o leva (**24**, 5s; 2 Re **2**, 13s). A amizade de David e Ionatán é un tema que se repite na historia para rematar coa elexía de David polo amigo morto (2 Sam **1**, 19ss).

**18**, 7 As mulleres recibían con cantos aos guerreiros (Éx **15**, 20s; Xuí **11**, 34).

**18**, 8s A envexa de Xaúl é un tema da loita entre os dous homes. Espertábana particularmente os cantos das mulleres (**21**, 12; **29**, 5).

**18**, 12 A loita de Xaúl con David acaba por ser unha loita co espírito que o abandonou (vv. 28s).

**18**, 17 Xaúl válese das fillas para pór a David nas mans dos filisteos. O tema da filla máis nova e a máis vella, coma na historia de Xacob.

**18**, 25 O pagamento do dote pola muller podía ser en diñeiro, en servizos ou calquera sorte de presentes. Xacob serve a Labán sete anos por cada unha das súas fillas. Os prepucios son proba doutros tantos homes mortos.

o tempo e David foi cos seus homes, matou douscentos filisteos e trouxo os seus prepucios. Con iso cumpría a condición para se facer xenro do rei. Xaúl deulle entón por muller a súa filla Micol. [28]Xaúl caeu na conta de que o Señor estaba con David e de que a súa filla Micol se namorara del. [29]Xaúl colleulle a David aínda máis medo e fíxose o seu inimigo para o resto da súa vida.

[30]Os xenerais filisteos saían a facer incursións, e David tiña máis éxitos contra eles ca os mesmos soldados de Xaúl. O seu nome adquiriu unha gran sona.

### Ionatán defende a David

**19** [1]Xaúl faloulle ao seu fillo Ionatán e aos seus servidores de matar a David. Pero Ionatán, fillo de Xaúl, queríalle moito a David [2]e avisouno, dicíndolle: –Meu pai Xaúl trata de matarte. Anda, pois, con moito coidado. Pola mañá procura un tobo e agóchate. [3]Cando saiamos, eu irei ao lado de meu pai, pola campía onde ti estás, falareille ao meu pai de ti, e, segundo vexa, informareite.

[4]Ionatán faloulle ao seu pai Xaúl en favor de David: –Que o rei non faga dano ao seu servo David; el non che fixo dano a ti; ao contrario, todo o que fai é sempre no teu proveito. [5]Xogou coa súa vida cando matou o filisteo. Aquilo foi unha gran vitoria, que o Señor lle concedeu a todo Israel. Cando ti o soubeches, aledácheste ben. Por que te queres facer culpable dun sangue inocente matando a David sen motivo?

[6]Xaúl fíxolle caso a Ionatán e xurou: –Pola vida do Señor que non morrerá.

[7]Ionatán chamou a David e contoulle toda a conversa. Logo levou a David onda Xaúl e David quedou ao seu servizo, coma antes.

### David salvado por Micol

[8]Estalou outra vez a guerra e David saíu a combater cos filisteos. Inflixiulles unha gran desfeita e eles fuxiron diante del. [9]O mal espírito mandado polo Señor apoderouse de Xaúl nun momento en que estaba sentado no seu pazo, coa lanza na man, e David tocando a arpa. [10]Xaúl tratou de cravar a David coa lanza contra a parede pero David zafouse de Xaúl; a lanza cravouse na parede e David escapou, san e salvo. [11]Aquela mesma noite mandou Xaúl mensaxeiros á casa de David para que o vixiasen e que o matasen pola mañá. A súa muller Micol avisou a David: –Se non te pos a salvo esta mesma noite, mañá serás home morto.

[12]Micol desprendeuno por unha fiestra e el salvouse, fuxindo. [13]Entón colleu Micol o ídolo caseiro e meteuno na cama; puxo na cabeceira un coxín de pelo de cabra e tapouno cun cobertor. [14]Xaúl mandou mensaxeiros para que prendesen a David. Pero ela aclaroulles: –Está enfermo.

[15]Xaúl mandou outros mensaxeiros que fosen buscar a David: –Traédemo, mesmo do leito, porque o quero matar.

[16]Cando entraron os mensaxeiros, atoparon na cama o ídolo doméstico e un coxín de pelo de cabra á cabeceira. [17]Xaúl díxolle a Micol: –Por que me enganaches deste xeito deixando que o meu inimigo escapase?

Micol respondeulle a Xaúl: [18]–Porque el me ameazou: axúdame a escapar ou matareite.

David salvouse fuxindo. Chegado a Ramah, onda Samuel, contoulle todo aquilo que Xaúl lle fixera. Despois fóronse, el e Samuel, e detivéronse en Naiot.

### Xaúl cos profetas de Ramah

[19]Comunicáronlle a Xaúl: –Has saber que David está en Naiot de Ramah.

[20]Xaúl mandou mensaxeiros que detivesen a David. Ao atopárense cunha tropa de profetas, que estaban profetizando, e Samuel presidíndoos, entrou o espírito de Deus nos mensaxeiros de Xaúl e puxéronse a profetizar eles tamén. [21]Dixéronllo a Xaúl e mandou outros mensaxeiros, que se puxeron tamén a profetizar. Por terceira vez mandou Xaúl mensaxeiros, que se puxeron a profetizar eles tamén. [22]Entón foi el mesmo a Ramah. Ao chegar onda a gran cisterna que hai en Secu, preguntou: –Onde están Samuel e David?

E respondéronlle: –Están en Naiot de Ramah.

**19** Máis sobre as relacións de David coa familia de Xaúl. Os fillos de Xaúl salvan a David do pai que o persegue. A cousa é mais tráxica, porque David era quen podía axudar a Xaúl contra o verdadeiro inimigo, os filisteos.
**19**, 1ss Ionatán intercede por David diante do pai (**20**, 1ss). Xaúl mataría a un inocente, un fiel servidor e un protexido de Deus.
**19**, 9s Coma en **18**, 10s.
**19**, 13 O ídolo doméstico (en plural "terafim": Xén **31**, 30) debía ser de moita talla, para facerse pasar por unha persoa. O certo é que o engano de Micol deu resultado.
**19**, 19s Xaúl xa coñecera esa experiencia do espírito profético, cando Samuel o unxira por rei (**10**, 9ss). Agora volve a encontrarse con Samuel, o que contradí o afirmado en **15**, 34. A forza de Xaúl, axeonllada diante da forza do espírito.

23 Xaúl foi a Naiot de Ramah. Apoderouse tamén del o espírito de Deus e camiñaba
profetizando ata chegar a Naiot de Ramah.
24 Espiuse el tamén da súa roupa e estivo profetizando ante Samuel, deitado e espido polo
chan, todo aquel día e toda a noite. De aí veu
aquel dito: "Conque tamén Xaúl entre os profetas?".

### David e Ionatán

**20** 1 David fuxiu de Naiot de Ramah e foille
dicir a Ionatán: –Que é o que fixen e
en que lle faltei a teu pai, para que queira matarme?
2 Ionatán respondeulle: –De ningunha maneira! Ti non morrerás. Sabes que meu pai
non fai cousa ningunha, nin grande nin pequena, sen dicirmo a min. Por que me ía ocultar agora isto? Non é posible!
3 Mais David insistiu: –Teu pai sabe moi
ben que eu che caín en graza e pensará: Que
non saiba isto Ionatán para que non se entristeza. Pero, pola vida do Señor e pola túa vida,
que estou a un paso da morte.
4 Ionatán díxolle a David: –Que queres que
faga por ti? Estou disposto a facelo.
5 David díxolle a Ionatán: –Mañá é lúa
nova e eu terei que sentarme a comer á mesa
do rei. Déixame que marche e me esconda
nas aforas, ata pasado mañá á tarde. 6 Se teu
pai me bota de menos, ti diraslle: "David
pediume permiso para facer unha escapada
á súa cidade de Belén, pois a súa familia celebra alí o sacrificio anual". 7 Se el che di que
está ben, estou a salvo; pero, se se enfada,
de seguro que ten decidido algo malo. 8 Ti
móstrate bo co teu servo, pois vinculáchesme contigo por un pacto diante do Señor. Se
atopas en min iniquidade, mátame ti mesmo.
Para que esperar a levarme onda teu pai?
9 Ionatán respondeulle: –Líbreme Deus! Se
chegase a saber que meu pai ten decidido o
peor para ti, non cho ía dicir?
10 David preguntoulle a Ionatán: –E quen
me informará, no caso de que teu pai che dea
unha mala resposta?
11 Ionatán díxolle a David: –Ven, vamos
fóra.
E saíron os dous ao campo. 12 Ionatán díxolle a David: –Polo Señor, Deus de Israel, que
mañá, destas horas, xa darei sabido se meu pai
está ou non de boas con David, e mandarei
que che dean o recado. 13 E se non, que o Señor
castigue a Ionatán. Se meu pai ten decidido
o mal para ti, eu fareicho saber. Despedireite
e iraste en paz. E que o Señor vaia contigo,
como estivo con meu pai. 14 Se entón eu vivo
aínda, mostra comigo a bondade do Señor; e
se morrín, 15 non deixes nunca de ser bo coa
miña familia. Cando borre o Señor da face da
terra os inimigos de David, 16 que non sexa borrado da súa casa o nome de Ionatán. Que o
Señor lles pida contas aos inimigos de David.
17 E Ionatán renovoulle a David o xuramento, polo amor que lle tiña, pois queríalle
coma a si mesmo. 18 Despois díxolle Ionatán: –Mañá é lúa nova e, ao ver baleiro o teu
asento, botarante de menos. 19 Pasado mañá
será aínda peor. Ti vai onde te agochaches da
outra vez e queda alí, onda a pedra de Ézel.
20 Eu dispararei tres frechas para ese lado,
coma quen tira ao branco, 21 e logo mandarei
o criado cara a ti, para que colla as frechas.
Se lle digo ao criado: "Mira que as frechas
están para acó de ti, cólleas". Entón ti podes
vir; estás salvado; non pasa nada, pola vida
do Señor. 22 Pero, se lle digo ao rapaz: "Mira
que as frechas están para alá de ti". Entón
vaite, pois é o Señor quen te manda. 23 Tocante á promesa que media entre nosoutros dous,
o Señor estará para sempre entre nós.
24 David agochouse na campía. Chegada a
lúa nova, o rei púxose á mesa para comer. 25 O
rei sentou onda sempre na cadeira de onda a
parede, Ionatán enfronte del e Abner á beira
de Xaúl. O asento de David quedou baleiro.
26 Aquel día Xaúl non dixo nada, pois pensou:
Será casualidade. Quizais non está puro ou
non puido purificarse. 27 O día seguinte, o
segundo do mes, o asento de David seguía
baleiro e Xaúl preguntoulle ao seu fillo Ionatán: –Por que, nin onte nin hoxe, veu comer
o fillo de Ixaí?
28 Ionatán respondeulle: –Pediume permiso
apresurado para achegarse a Belén. Díxome:
29 "Déixame ir, pois a familia celebra na cidade o sacrificio anual e meus irmáns dixéronme que fose. Se merezo o teu favor, déixame
que me chegue alí correndo, para visitar a
meus irmáns". Por iso non está á mesa do rei.

**20** Segue o tema da persecución de David por Xaúl e da mediación de Ionatán, preso por dúas fidelidades, a de fillo e a de amigo. Como antes Micol, agora é Ionatán quen salva a David. O pai non consegue romper o pacto, pero separa os amigos. Na amizade están vinculados para máis alá da mesma morte.

**20**, 5 A lúa nova, ao comezo do mes, era día de festa, con ofrenda de sacrificios (Núm **10**, 10; Is **1**, 13s).
**20**, 14 Ionatán é quen pide agora a David pola súa descendencia, como se o vise xa revestido dos poderes de rei. Os vv. 11-17 quizais sexan doutra man.

30Xaúl alporizouse e díxolle a Ionatán:
–Fillo de mala nai, xa sabía eu que es amigo do fillo de Ixaí, para vergonza túa e para vergonza de túa nai. 31Mentres o fillo de Ixaí siga con vida na terra, non estades seguros nin ti nin o teu reino. Agora manda que o traian onda min, pois merece a morte.

32Ionatán respondeulle a seu pai:
–Por que ten que morrer? Que é o que fixo?

33Xaúl brandiu a lanza contra el para matalo e Ionatán comprendeu que seu pai tiña decidida a morte de David. 34Ionatán ergueuse da mesa anoxado, sen probar bocado aquel día, o segundo do mes, aflixido porque seu pai aldraxara a David. 35Pola mañá saíu ao campo cun rapaz pequeno canda el á hora que conviñera con David. 36Ionatán díxolle ao criado:
–Corre coller as frechas que eu tire.

O criado foi correndo e el tirou unha frecha, que pasou alén del. 37O criado buscaba o sitio da frecha que tirara Ionatán, e este berroulle:
–Está aí, máis aló de ti. 38E seguiulle berrando:
–Corre de présa; non pares.

O criado colleu a frecha e levoulla ao seu amo. 39O criado non sospeitou cousa ningunha. Pero Ionatán e David puideron entenderse. 40Ionatán deulle as súas armas ao criado e díxolle:
–Anda, lévaas á casa.

41E o criado marchou. David ergueuse de tras da pedra e prostrouse tres veces polo chan. Despois abrazáronse, chorando os dous, sobre todo David. 42Ionatán díxolle a David:
–Vaite en paz. E, conforme o xuramento que fixemos entre os dous, no nome do Señor, que o Señor estea entre nós e entre os nosos descendentes para sempre.

### David cos sacerdotes de Nob

**21** 1David ergueuse e marchou e Ionatán volveu para a cidade. 2David chegou a Nob, onda o sacerdote Ahimélec. Ahimélec saíu inquedo ao seu encontro e preguntoulle:
–Como é que vés só, sen compaña de ninguén?

3David respondeulle ao sacerdote Ahimélec:
–O rei envioume a un asunto e ordenoume: "Que ninguén saiba nada do asunto que che mando nin das ordes que che dei". Teño citados en certo sitio os meus homes. 4Agora dáme cinco pans, se os tes á man, ou o que teñas.

5O sacerdote respondeulle a David:
–Non teño á man pan común; dareiche pan consagrado, se os teus homes se gardaron do trato con mulleres.

6David díxolle ao sacerdote:
–Non. As mulleres estannos prohibidas, coma sempre que saímos de batida. Os corpos dos meus homes están limpos. Mesmo se esta saída é ordinaria, os homes hoxe están limpos.

7O sacerdote deulle o pan consagrado, xa que non había alí outro pan, fóra dos pans da presentación, que foran retirados da presenza do Señor, para pór os quentes do día. 8Aquel día había alí un home dos servos de Xaúl, detido no santuario, que se chamaba Doeg, edomita, xefe dos pastores de Xaúl. 9David preguntoulle a Ahimélec:
–Non terás aquí, á man, unha lanza ou unha espada? Non traio comigo nin espada nin arma ningunha, porque a encomenda do rei era urxente.

10O sacerdote respondeulle:
–Teño a espada de Goliat, o filisteo que ti mataches no val de Elah. Aí está, envolta nun pano, detrás do *efod*. Se a queres, cóllea, pois aquí, fóra desa, non hai outra.

David respondeulle:
–Non a hai coma ela. Dáma.

### David co rei Aquix de Gat

11David foi fuxindo aquel día da presenza de Xaúl e chegou onda Aquix, rei de Gat. 12Os servidores de Aquix comentaron con el:
–Non é ese David, o rei do país? Non era a el a quen lle cantaban en roda:

"Xaúl matou os seus mil,
pero David os seus dez mil?".

13David reparou naqueles comentarios e colleulle medo a Aquix, rei de Gat. 14Entón púxose a facer o tolo diante deles, para pasar

**20**, 30-33 Xaúl expresa claramente as súas intencións respecto de David. Ionatán sabe agora o que lle agarda ao seu amigo.
**20**, 41s Se Ionatán e David podían falar, para que a estrataxema das frechas?
**21** Empeza a vida errante de David, dentro e fóra do país. Aparece de paso en Nob, onde se aprovisiona, e deseguida en Gat dos filisteos, nunha pasaxe que adianta o que se refire no c. **27**.
**21**, 2 En *Nob*, cidade ao L de Xerusalén, había unha familia sacerdotal, que proviña dos elidas de Xiloh. *Ahimélec* acolle a David e dálle pan e unha espada, sen saber que vai fuxindo de Xaúl, por máis que o inquiete un presentimento, ao velo só.
**21**, 5s Ese pan consagrado comíano os sacerdotes (Éx **25**, 30; Lev **24**, 5-9); en caso de necesidade, podíao comer calquera (Mt **12**, 1ss). Os homes de David estaban puros, pois estaban en acto de guerra (Dt **23**, 10; 2 Sam **11**, 11).
**21**, 11ss Este desprazamento rápido a Gat aparece aquí fóra de lugar. Por outro lado, non se ve como harmonizalo con **27**, 1ss. Os loucos considéranse invadidos polo espírito, cousa que os fai inmunes. Esa estratexia de David dálle ao narrador a oportunidade de burlarse dos filisteos.

por louco. Rabuñaba as portas cos dedos e deixaba esvarar o cuspe pola barba. 15Aquix díxolles entón aos seus serventes: –Como vedes, este home está louco. Para que mo trouxestes aquí? 16Seica ando eu escaso de tolos, para que traiades a este facer toladas diante de min? Vai entrar este no meu pazo?

### David en Adulam e Mispah

**22** 1David marchou de alí e foise agochar á furna de Adulam. Soubérono seus irmáns e toda a súa familia e foron alí onda el. 2Ao redor del xuntouse xente que estaba en apuros, homes cargados de débedas e desesperados da vida. David foi o seu xefe. Chegou a haber ao seu arredor coma catrocentos homes.

3De alí foi David a Mispah de Moab. E díxolle ao rei de Moab: –Permite que meu pai e miña nai queden aquí convosco, ata que eu acabe de saber o que Deus quere de min.

4Presentoullos ao rei de Moab e eles quedaron alí todo o tempo que David estivo no refuxio. 5O profeta Gad díxolle a David: –Non quedes nese refuxio. Vai e entra na terra de Xudá.

David marchou de alí e meteuse no bosque de Háret.

### Morte dos sacerdotes de Nob

6Chegoulle noticia a Xaúl de que se soubera de David e dos seus homes, mentres estaba el en Guibah, sentado debaixo dun tamarisco, no outeiro, coa lanza na man e rodeado dos seus servidores. 7Xaúl faloulles deste xeito: –Escoitádeme, benxaminitas. Polo visto o fillo de Ixaí vai repartir entre todos vós agros e viñas e vaivos nomear a todos xefes de milleiro e de centuria, 8pois conspirades todos contra min e ninguén me informou do pacto de meu fillo co fillo de Ixaí. Ninguén de vós ten dó de min. Ninguén me descubriu que o meu fillo ergueu contra min un servo meu, que me está axexando agora mesmo.

9Respondeulle Doeg, o edomita, un dos servidores de Xaúl: –Eu vin o fillo de Ixaí chegar a Nob, onda Ahimélec, fillo de Ahitub, 10que consultou ao Señor por el, forneceuno de provisións e deulle a espada de Goliat, o filisteo.

11O rei mandou chamar polo sacerdote Ahimélec, fillo de Ahitub, e por toda a súa familia de sacerdotes de Nob. Compareceron todos onda o rei 12e Xaúl dixo: –Escóitame, fillo de Ahitub.

E el respondeu: –Aquí estou, meu Señor.

13Xaúl preguntoulle: –Por que vos conxurastes contra min ti e o fillo de Ixaí? Ti décheslle pan e unha espada e consultaches a Deus por el, para que se repuxese contra min e me axexase, cousa que está facendo xa.

14Ahimélec respondeulle ao rei: –Quen dos teus servos é de fiar coma David, xenro do rei, xefe da túa garda, honrado no teu palacio? 15É hoxe a primeira vez que consulto a Deus por el? Mais Deus me libre! Non lle apoña o rei ao seu servidor nin á súa familia esas cousas, pois o teu servo non sabe nin pouco nin moito sobre iso.

16O rei díxolle: –Vas morrer, Ahimélec, ti e toda a túa familia.

17O rei mandoulles aos soldados da súa garda: –Cercade os sacerdotes do Señor e matádeos, xa que se puxeron de parte de David e sabendo que fuxía non me deron aviso.

Pero os servidores do rei non quixeron erguer as mans para matar os sacerdotes do Señor. 18O rei díxolle entón a Doeg: –Acércate ti e mátaos.

E Doeg o edomita achegouse, pegou nos sacerdotes e matounos: oitenta e cinco homes, que levaban *efod* de liño. 19Na cidade sacerdotal de Nob, Xaúl fixo matar co gume da espada homes e mulleres, rapaces e nenos; e mesmo bois, burros e ovellas caeron polo gume da espada. 20Salvouse un fillo de Ahimélec, fillo de Ahitub, que se chamaba Abiatar, fuxindo para onda David. 21Abiatar contoulle a David como Xaúl fixera matar os sacerdotes do Señor. 22E David díxolle a Abiatar: –Xa sabía eu aquel día que, estando alí Doeg o edomita, informaría a Xaúl. Eu son o responsable da morte de toda a túa familia. 23Ti queda comigo e non teñas medo. O que intente matarte a ti, terá que matarme a min. Onda min estarás seguro.

**21**, 22 David de novo na súa terra, nas covas do deserto de Xudá.
**22**, 2 Os homes que seguen a David son xente que rompeu coa súa sociedade e escapou, coma el; un caso semellante ao de Iefté, tamén coa súa banda (Xuí **11**, 3).
**22**, 3s A relación de David con Moab, tema no que se funda o libro de Rut (Rut **1**, 4s; **4**, 21s).
**22**, 5 Gad, vidente de David (2 Sam **24**, 11s; 1 Cro **29**, 29).
**22**, 6ss Á morte dos sacerdotes remata a historia que empezou en **21**, 1-10. Xaúl rompe coas leis da xustiza e da sacralidade, cousa que nin os seus servidores admiten. David, por outro lado, acolle o sobrevivente. Xaúl acode a un estranxeiro, o edomita Doeg (**21**, 7), para matar os sacerdotes.
**22**, 14s Ahimélec era alleo ao que pasaba entre Xaúl e David. O servizo que lle fixo a este era como feito ao mesmo rei, ao bo entender do sacerdote.
**22**, 20-23 Abiatar será sacerdote con David, ata que Salomón o destitúa e o desterre a Anatot, por tomar partido pola sucesión de Adonías (1 Re **2**, 26s).

### David en Queilah

**23** [1]Comunicáronlle a David: –Os filisteos
atacan Queilah e saquean as súas eiras.

[2]David consultoulle ao Señor: –Debo subir e baterme con eses filisteos?

O Señor respondeulle: –Vai. Vencerás os filisteos e salvarás Queilah.

[3]Pero os homes de David dixéronlle: –Ves que, mesmo aquí, en Xudá, nós temos medo, canto máis se nos levas a Queilah contra as hostes dos filisteos.

[4]David volveu consultar o Señor e o Señor respondeulle: –Vai, baixa a Queilah, pois vouche poñer nas mans os filisteos.

[5]David foi a Queilah cos seus homes, loitou contra os filisteos, colleulles os seus rabaños e inflixiulles unha grave desfeita. Daquela salvou David os veciños de Queilah. [6]Abiatar, fillo de Ahimélec, que fuxira para onda David e que fora con el a Queilah, levaba consigo o *efod*. [7]Informaron a Xaúl de que David chegara a Queilah e pensou: Deus pono nas miñas mans, pois, meténdose nunha cidade con portas e ferrollos, encérrase a si mesmo. [8]Xaúl convocou á guerra a todo o exército, a fin de baixar a Queilah e pórlle o cerco a David e aos seus homes. [9]Ao saber David que Xaúl estaba tramando a súa perdición, díxolle ao sacerdote Abiatar: –Trae aquí o *efod*.

[10]E David consultou: –Señor, Deus de Israel, o teu servo oíu dicir que Xaúl decidiu vir a Queilah e arrasar, por culpa miña, a cidade. [11]Señor, Deus de Israel, baixará Xaúl, conforme o teu servo oíu dicir? Respóndelle ao teu servo.

O Señor respondeulle: –Baixará.

[12]David preguntou: –Entregarannos, os donos de Queilah, a min e aos meus homes, nas mans de Xaúl?

E o Señor respondeulle: –Entregaranvos.

[13]Entón David e os seus homes, en número duns seiscentos, saíron de Queilah e camiñaron por onde lles pareceu. Informaron a Xaúl de que David fuxira de Queilah e desistiu da súa expedición.

### Xaúl tras de David no deserto de Zif

[14]David refuxiouse no ermo e morou na montaña do deserto de Zif. Xaúl andaba todos os días na súa busca pero Deus non o deixou caer nas súas mans. [15]Estando en Horex, no deserto de Zif, David tivo medo, pois soubo que Xaúl saíra para matalo. [16]Ionatán, fillo de Xaúl, achegouse a Horex, onda David, para fortalecerlle a confianza en Deus. [17]Díxolle: –Non teñas medo. A man de meu pai Xaúl non te tocará. Ti serás rei de Israel e eu serei o teu segundo. Mesmo meu pai Xaúl o sabe.

[18]E fixeron os dous un pacto diante do Señor. Despois David quedou en Horex e Ionatán tornou para a súa casa. [19]Algúns homes de Zif subiron a Guibah, onda Xaúl, e informárono:

–David ocúltase onda nós, nos refuxios de Horex, no alto de Haquilah, ao sur de Ieximón. [20]Xa que logo, rei, baixa, se queres. Entregalo nas mans do rei queda da nosa conta.

[21]Xaúl díxolles: –Que o Señor volo pague, pois compadecéstesvos de min. [22]Ide e asegurádevos. Informádevos e mirade por onde anda e quen son os que o viron por alí, pois dixéronme que é home moi arteiro. [23]Rexistrade os recunchos onde se agocha e volvede cos datos precisos. Entón irei eu convosco e, se se encontra nesa bisbarra, buscareino entre todas as familias de Xudá.

[24]Eles colleron entón e marcharon a Zif, adiantándose a Xaúl. David retirárase cos seus homes cara ao deserto de Maón, na estepa, ao sur de Ieximón. [25]Xaúl púxose a buscalo cos seus homes. Pero informaron diso a David e baixou para onda os penedos que hai no deserto de Maón. Cando Xaúl o soubo, foi polo deserto adiante, perseguíndoo. [26]Xaúl ía por un lado do monte e David cos seus homes polo outro. David ía rápido, para fuxir de Xaúl, e Xaúl cos seus homes cercaba a David e aos seus, para atrapalos. [27]Estando niso, chegoulle unha mensaxe a Xaúl: –Vén deseguida, que os filisteos están invadindo o país.

**23** Outros episodios da vida errante de David. Defendendo as cidades da fronteira da súa tribo de Xudá está labrando o seu futuro.
**23**, 1ss Ao que os seus homes non se atreven, vai David, fiado na resposta favorable da consulta ao Señor.
**23**, 7-13 Xaúl está gastando as súas forzas nunha contenda sen razón. Deus está do lado do feble e da razón.
**23**, 16-18 Ionatán volve estar ao lado de David na adversidade, para cumprir co pacto de amizade e expresarlle o presentimento de que el será rei (**19**, 1-7; **20**, 11-17).
**23**, 19 Duplicado en **26**, 1-3.
**23**, 24 No mesmo escenario do deserto de Xudá, agora en En-Guedí, á beira do mar Morto, nova ocasión de encontro entre o perseguidor e o perseguido. Outra versión do mesmo no c. **26**.
**23**, 27ss Xaúl abandona a persecución do inimigo persoal, para defender o seu país.

[28]Xaúl entón deu a volta e deixou de perseguir a David, para ir e saírlles ao paso aos filisteos. Por iso se lle chamou a aquel sitio "Rocha da separación".

### No deserto de En-Guedí

**24** [1]David marchou de alí e asentou nos refuxios de En-Guedí. [2]Cando volvía Xaúl de perseguir os filisteos, informárono: –David está no deserto de En-Guedí.

[3]Entón colleu Xaúl tres mil soldados escolleitos de todo Israel e foise na procura de David e dos seus homes por fronte dos rochedos de Ielim. [4]Chegaron onda os currais de ovellas que hai á beira do camiño, onde había unha cova, e Xaúl entrou nela para facer as necesidades, cando David e os seus homes estaban no fondo da cova. [5]Os homes dixéronlle a David: –Este é o día do que che falou o Señor: "Eu poreiche nas mans o teu inimigo. Fai con el o que mellor che pareza".

David ergueuse caladamente e cortoulle a Xaúl un anaco do manto. [6]Despois diso a David latexáballe con forza o corazón por cortar o anaco do manto de Xaúl [7]e díxolles aos seus homes: –Deus me libre de facerlle ao meu señor, o unxido de Deus, unha cousa así, coma pór enriba del a miña man, sendo como é o unxido do Señor.

[8]Con esas palabras David contivo os seus homes e non deixou que se botasen sobre Xaúl. [9]Logo que Xaúl saíu da cova e colleu o camiño, tamén David saíu da cova detrás del e berroulle: –Rei, meu señor!

Xaúl volveu a vista atrás e viu a David baixando a cabeza e prostrándose polo chan. [10]David díxolle: –Por que lles dás creto aos que che din que David busca o teu mal? [11]Cos teus mesmos ollos puideches hoxe ver que o Señor te entregou nas miñas mans dentro da cova. Dixéronme que te matase, pero eu respecteite pensando: Non erguerei as miñas mans contra o meu señor; el é o unxido do Señor. [12]Olla, meu pai, e mira aquí na miña man un anaco do teu manto. Se cortei un anaco do teu manto e non te matei, podes ver que nas miñas mans non hai traizón nin maldade. Eu non che faltei en nada e ti andas á caza da miña vida para quitarma. [13]Sexa o Señor o noso xuíz e que el me vingue de ti. Pero a miña man non se erguerá contra ti. [14]Como di o vello refrán: "Dos malvados sae a maldade". Pero a miña man non se erguerá contra ti. [15]Tras de quen anda o rei de Israel? A quen está perseguindo? A un can morto, a unha pulga. [16]Que xulgue e decida o Señor entre ti e min; que vexa El e defenda a miña causa; que El me faga xustiza, librándome da túa man.

[17]Cando acabou David de dicir esas palabras, Xaúl exclamou: –David, meu fillo, é esa a túa voz?

E rompeu en saloucos. [18]Despois díxolle: –Ti es máis xusto ca min, pois ti págasme con bens e eu correspóndoche con males. [19]Hoxe mostraches ben a túa bondade comigo: o Señor púxome nas túas mans e ti non me mataches. [20]Se un atopa co seu inimigo, deixarao marchar en paz? [21]Que o Señor che pague a bondade que hoxe mostraches comigo. Agora sei certamente que ti chegarás a ser rei, que o reino de Israel se consolidará nas túas mans. [22]Xúrame, logo, polo Señor que non anicarás os meus descendentes tras de min, nin borrarás o meu nome da casa de meu pai.

[23]David xuroullo. Despois volveuse Xaúl para a súa casa e David subiu ao refuxio cos seus homes.

### David, Nabal e Abigail

**25** [1]Samuel morreu e todo Israel se xuntou para choralo. Enterrárono en Ramah na súa propiedade. Despois diso David baixou cara ao deserto de Maón. [2]En Maón había un home que tiña os seus eidos en Carmel. Era moi rico. Tiña tres mil ovellas e mil cabras. Fora a Carmel para tosquiar as súas ovellas. [3]Chamábase Nabal e a súa muller Abigail. A muller era asisada e belida; pero o home, un

**24**, 6s O manto representa a persoa. David sente remordemento por esa aldraxe ao unxido do Señor (**15**, 27s).
**24**, 11s David faille ver a Xaúl o seu respecto e a súa lealdade. O rei non debería ter medo dun servo fiel e agarimoso.
**24**, 13-16 David, que se considera "un ninguén" diante do rei, que o persegue, pide que sexa Deus quen xulgue a súa causa.
**24**, 21s O presentimento de Ionatán sobre a futura realeza de David, agora na boca de Xaúl (**20**, 12-17; **23**, 15-18).
**25** A historia de Nabal e Abigail reflicte ben certos aspectos da vida errante de David: o que daba e o que recibía das poboacións por onde andaba. O relato está ben composto, con arte e con simpatía, coma outras historias de mulleres. O personaxe central da historia é Abigail coa súa sabedoría e como muller de David.
**25**, 1 A noticia da morte de Samuel entrou aquí, quizais en relación coa declaración de Xaúl sobre o futuro reinado de David (**24**, 21).

calebita, era áspero e retorto. [4]David oíu no deserto que Nabal facía o tosquiado das ovellas [5]e mandou vinte homes coa encomenda: –Subide a Carmel, chegádevos onda Nabal e saudádeo da miña parte. [6]Dicídelle: "Saúde! A paz contigo, coa túa familia e con toda a túa facenda. [7]Souben que andas na rapa. Ora os teus pastores estiveron connosco e nós nunca os molestamos nin lles faltou cousa ningunha, mentres estiveron connosco en Carmel. [8]Pregúntallelo aos teus criados, que eles cho dirán. Atende, logo, benevolamente aos meus homes, xa que chegamos nun día de ledicia e dálles aos teus servos e ao teu fillo David o que teñas á man".

[9]Chegados os homes de David onda Nabal, repetíronlle esas palabras no nome de David e quedaron á espera. [10]Pero Nabal respondeulles: –Quen é David e quen o fillo de Ixaí? Hoxe abundan os escravos que foxen de onda os seus amos. [11]Seica vou coller eu o meu pan e a miña auga e as ovellas que matei para os meus tosquiadores e darllos a unha xente que nin sei de onde vén?

[12]Os homes de David deron volta polo mesmo camiño e, en chegando, contáronllo todo palabra por palabra. [13]David ordenoulles entón: –Cinguide cada un a vosa espada.

E todos cinguiron as espadas, o mesmo David coma os seus homes. Catrocentos deles subiron, seguindo a David, e douscentos quedaron gardando a equipaxe. [14]Un dos criados avisou a Abigail, a muller de Nabal: –Mira que David mandou desde o deserto mensaxeiros, que saudaran ao noso amo e este tratounos mal. [15]Eles, pola súa parte, tíñannos tratado sempre ben; nunca nos molestaron, nin nos faltou cousa ningunha, mentres nós estivemos fóra. [16]Foron a nosa defensa, de noite e de día, todo o tempo en que estivemos preto deles gardando os rabaños. [17]Pensa, logo, que podes facer, porque a desgraza do noso amo e da súa familia está xa decidida, ao ser el un parvo que non atende a razóns.

[18]Abigail, a toda présa, colleu douscentos pans, dous pelellos de viño, cinco cordeiros cocidos, cinco tegas de gran torrado, cen acios de uvas pasas e duascentas tortas de figos e carrexou todo en burros. [19]E díxolles aos criados: –Ide diante de min; eu seguireivos.

Ao seu home Nabal non lle dixo nada. [20]Ía a cabalo do burro, baixando, ao amparo do monte. David e os seus homes baixaban na súa dirección e atopáronse con ela. [21]David ía cismando: Perdín o tempo gardando as habenzas dese no deserto. Non lle faltou cousa ningunha e agora págame mal por ben. [22]Que Deus castigue a David, se mañá deixo con vida un só dos homes de Nabal.

[23]En canto Abigail viu a David, baixou ás présas do burro e prostrouse diante del co rostro cara ao chan. [24]Axeonllada aos seus pés, díxolle: –Que a culpa, señor, recaia sobre min. Pero permite á túa serva que che fale; escoita as palabras da túa serva. [25]Que o meu señor non tome en serio a ese perverso de Nabal, pois, como di o seu nome, Nabal é un parvo, no que a necidade se acubilla. A túa serva non viu eses homes que ti, meu señor, mandaches. [26]Agora, meu señor, polo Señor e pola túa vida! O Señor impediu que chegases a verter sangue e que colleses a xustiza pola man. Que se vexan coma Nabal os teus inimigos e os que tentan facerche mal. [27]Rógoche que este agasallo, que a túa serva lle trouxo ao meu señor, sexa repartido entre os homes que seguen ao meu señor. [28]Pídoche que perdoes o erro da túa serva. Certamente o Señor halle dar ao meu señor unha familia duradeira. Xa que o meu señor pelexa nas guerras do Señor, o mal non te acadará en toda a túa vida. [29]Se alguén se erguese perseguíndote coa intención de matarte, a vida do meu señor está gardada no acio dos que viven co Señor, o teu Deus, mentres a vida dos teus inimigos será posta no coiro da tirafonda. [30]Cando o Señor cumpra co meu señor todo o ben que lle prometeu e o teña establecido por rei de Israel, [31]que o meu señor non teña o pesar nin o remorso de conciencia de verter sangue sen razón e de tomar a xustiza pola man. Cando o Señor te colme de bens, lémbrate da túa serva.

[32]David respondeulle a Abigail: –Bendito sexa o Señor, Deus de Israel, que te mandou neste intre ao meu encontro. [33]Bendito sexa o teu xuízo e bendita ti, que me impediches

**25**, 4-12 David aproveita a ocasión festiva do tosquiado (2 Sam **13**, 23s) para facerse con provisións para os seus homes. Sería en recompensa polos servizos que eles lle fixeron a Nabal, gardándolle as propiedades. Nabal bótalles en cara aos homes de David a súa condición de escravos fuxidos.

**25**, 13-22 David e Abigail móvense os dous rapidamente, o primeiro para vingarse e a segunda para aplacar, como se ve nos movementos e se escoita nas palabras do criado (vv. 14-17).

**25**, 23-31 Abigail toma sobre si a culpa e pide perdón. O seu discurso remata nunha vista sobre o porvir de David.

**25**, 25 *Nabal* significa parvo, tolo.

**25**, 32-35 David recolle na súa resposta, sobre todo, o feito de que a chegada da muller lle impedira coller a xustiza pola man.

hoxe verter sangue, [34]pois, pola vida do Señor, Deus de Israel, que me impediu facerche mal, que se non viñeses con tanta présa ao meu encontro, non lle quedaría a Nabal un só home ao lumbrigar do día.

[35]David tomou da súa man o que ela lle trouxera e logo díxolle: –Sube en paz á túa casa. Ves que fago o que me pediches e que che teño consideración.

[36]Cando Abigail chegou onda Nabal, encontrouno celebrando unha esmorga de rei na súa casa. Tiña contento o corazón e estaba moi bébedo. Ata ao amencer ela non lle dixo unha palabra, nin máis alta nin máis baixa. [37]Pola mañá, cando xa o viño saíra de Nabal, ela contoulle o que pasara. A Nabal paralizóuselle o corazón dentro do peito e quedou coma unha pedra. [38]Dez días despois, o Señor feriu a Nabal e este morreu. [39]Cando soubo David que morrera Nabal, exclamou: –Bendito sexa o Señor, que me fixo xustiza da aldraxe que me fixera Nabal e que librou a este seu servo de facer mal, mentres fixo caer a maldade de Nabal sobre a súa propia cabeza.

Despois David mandou dicir a Abigail que quería que fose a súa muller. [40]Os criados de David chegaron a Carmel onda Abigail e propuxéronlle da súa parte: –David mándanos onda ti, pedirche que sexas a súa muller.

[41]Ela deitouse no chan e respondeulles: –Aquí está a túa serva, disposta a lavar os pés dos criados do meu señor.

[42]E axiña ergueuse, montou no burro e, acompañada de cinco criadas que a servían, marchou cos mensaxeiros de David e foi a súa muller. [43]David casou tamén con Ahinoam de Iezrael. As dúas foron as súas mulleres. [44]Xaúl, polo outro lado, déralle por muller a súa filla Micol, muller de David, a Paltí, fillo de Láix de Galim.

### David perdóalle outra vez a vida a Xaúl

**26** [1]Os de Zif foron a Gueba, onda Xaúl, para dicirlle: –Non sabes que David se acocha no outeiro de Haquilah, enfronte de Ieximón?

[2]Xaúl baixou, ao momento, ao deserto de Zif con tres mil homes escolleitos de Israel para buscar alí a David. [3]Xaúl acampou no outeiro de Haquilah enfronte de Ieximón á beira do camiño. Cando David, que vivía no deserto, viu que Xaúl viña ao deserto detrás del, [4]mandou espías que se informasen do sitio onde acampaba. [5]Logo achegouse David mesmo ao campamento de Xaúl e viu o posto onde se deitaban Xaúl e mais Abner, fillo de Ner, xeneral do exército. Xaúl deitábase e durmía no cercado dos carros coa tropa ao redor del. [6]Entón preguntoulle David a Ahimélec, o hitita, e a Abixai, fillo de Seruiah, irmán de Ioab: –Quen quere baixar comigo ao campamento de Xaúl?

Abixai respondeulle: –Baixo eu.

[7]David e Abixai chegaron de noite ao campamento e viron que Xaúl estaba deitado, durmindo, no cercado, coa lanza cravada no chan, á súa cabeceira. Abner e o exército estaban deitados ao redor. [8]Abixai díxolle a David: –Hoxe púxoche Deus o teu inimigo nas túas mans. Agora déixame que o crave dun golpe de lanza contra o chan. Non cumprirá repetilo.

[9]David respondeulle a Abixai: –Non quero que o mates. Quen poñería a man impunemente sobre o unxido do Señor? [10]E engadiu: –Pola vida do Señor, que será el quen o fira, ou porque lle chegou a hora de morrer, ou porque acabe caendo na guerra. [11]Deus me libre de pór a miña man sobre o unxido do Señor. Agora colle a lanza, que está á súa cabeceira, e a xerra da auga e vamos.

[12]David colleu a lanza e a xerra da auga de onda a cabeceira de Xaúl e marcharon sen que ninguén os vise, nin se decatase, nin espertase. Estaban todos durmidos, coma se un sono do Señor caese riba deles. [13]David pasou para a outra banda e detívose no cume do monte deixando un longo treito no medio. [14]E berrou cara á tropa de Abner, fillo de Ner: –Respondes ou non, Abner?

E Abner preguntou: –Quen es ti que berras cara ao rei?

[15]David díxolle a Abner: –Seica non es ti un home? Mais quen hai coma ti en Israel? Por que non gardabas, logo, ao rei, o teu señor, cando un do pobo entrou para matalo? [16]O que fixeches non está ben. Pola vida do Señor, que mereces a morte, por non protexer o voso señor, o unxido do Señor. Mira onde está a lanza do rei e a xerra da auga que tiña á cabeceira.

[17]Xaúl recoñeceu a voz de David e preguntoulle: –David, meu fillo, é esa a túa voz?

**25**, 37-39 A morte de Nabal é aquí vista como castigo de Deus e vinganza da xusta causa de David.

**25**, 40-44 O remate do matrimonio pode ser a razón de contar toda a historia.

**26** Outra versión da xenerosidade e do respecto de David para Xaúl, paralela da que se encontra no c. **24**. Alí era en En-Guedí; agora, en Zif, máis ao oeste, no mesmo deserto de Xudá.

**26**, 10 Deus ten moitas maneiras de facer morrer a Xaúl sen que David teña que pór sobre el a súa man.

**26**, 12 Sono profundo, como se fose mandado por Deus, para que Xaúl quede inerme nas mans de David.

E el respondeulle: –A mesma, rei, meu señor. [18]E engadiu: –Por que o meu señor persegue ao seu servo? Que é o que fixen e que delito hai nas miñas mans? [19]Que o rei meu señor queira escoitar agora a palabra do seu servo. Se é o Señor o que te incita contra min, que el agree o recendo dunha ofrenda; mais, se son os homes, malditos sexan diante do Señor, porque me están arredando da miña parte no herdo do Señor, dicíndome que vaia servir a outros deuses. [20]Que o meu sangue non caia polo chan, lonxe da presenza do Señor. O rei de Israel saíu á caza dunha pulga, coma quen vai á caza da perdiz polas montañas.

[21]Xaúl dixo: –Pequei. Volve, David, meu fillo. Non seguirei facéndoche mal, pois ti respectaches hoxe a miña vida. Comporteime coma un parvo. Estaba moi enganado.

[22]David respondeulle: –Aquí está a lanza do rei. Que veña un dos teus homes recollela. [23]Que o Señor lle teña en conta a cada un a súa xustiza e a súa lealdade. Hoxe púxote El nas miñas mans; pero eu non ousei erguelas contra o unxido do Señor. [24]E como eu valorei hoxe a túa vida, que valore o Señor a miña e me libre de todos os apuros.

[25]Xaúl díxolle a David: –Bendito sexas, David, meu fillo. En todo o que te propoñas, terás éxito.

Despois diso, David seguiu o seu camiño e Xaúl volveu ao seu lugar.

### David cos filisteos

**27** [1]David botou estas contas: –Calquera día acabarei no poder de Xaúl. Non me queda outro remedio que escapar ao país dos filisteos. Entón deixará Xaúl de perseguirme por todo o territorio de Israel e quedarei a salvo da súa man.

[2]David pasou cos seus seiscentos homes onda Aquix, fillo de Maoc, rei de Gat, [3]e quedaron a vivir todos en Gat, terra de Aquix, cada un coa súa familia. David levaba as súas dúas mulleres, Ahinoam de Iezrael e Abigail, a que fora muller de Nabal de Carmel. [4]Dixéronlle a Xaúl que David fuxira cara a Gat e deixou de perseguilo. [5]David díxolle a Aquix: –Se merezo o teu favor, que me concedan un lugar nunha poboación do campo e que me permitan vivir nela. Por que ía vivir este teu servo ao teu lado na cidade real?

[6]E naquel mesmo día Aquix cedeulle Siquelag. Por iso pertence Siquelag aos reis de Israel ata o día de hoxe. [7]David residiu en terras filisteas un ano e catro meses. [8]David saía cos seus homes e facía incursións no territorio dos guexuritas, dos guircitas e dos amalecitas, pobos que habitaban na bisbarra, que vai de Telam cara a Xur ata a fronteira de Exipto. [9]David arrasaba aquela terra sen deixar vivo nin home nin muller e pillaba ovellas e vacas, burros, camelos e roupas e logo volvía onda Aquix. [10]Aquix preguntáballe: –Onde saqueastes hoxe?

E David respondíalle: –No Négueb de Xudá, no dos ierahmelitas ou no dos queneitas.

[11]David non traía vivos a Gat nin home nin muller, para que logo non puidesen dicir del: "David fixo isto e aquilo". Ese foi o seu proceder, mentres estivo en terras filisteas. [12]Aquix fiábase de David e pensaba del: Incomodouse co seu pobo de Israel e será para sempre o meu vasalo.

**28** [1]Daquela reuniron os filisteos as súas tropas para facer a guerra a Israel e Aquix díxolle a David: –Sabes que tes que vir comigo á guerra, ti e mais os teus homes.

[2]David respondeulle a Aquix: –E ti saberás agora de que é capaz o teu servo.

E Aquix díxolle: –Daquela, poreite para sempre de garda da miña persoa.

### Xaúl e a nigromante

[3]Entre tanto, Samuel morrera. Todo Israel chorara por el e enterrárano en Ramah, a súa

**26**, 19s O estranxeiro é como se fose terra de soberanía doutros deuses. A terra de Israel é a herdade do Señor (Rut **2**, 12; 2 Re **5**, 17).

**26**, 21 A confesión de Xaúl non se traduce en feitos; cada un vai polo seu lado. Pero as palabras son o xuíz do mesmo Xaúl que as di.

**27** A fuxida de David á terra dos filisteos presentárase xa en **21**, 10-16. Trátase dunha mesma fuxida ou de dúas? O feito expresa o perigo de David diante do cerco de Xaúl. A fuxida é cousa mala no sentido relixioso, como se di en **26**, 19s; pero, por parte, ao fuxir, David retira a súa forza do seu pobo e pona ao servizo do inimigo. Certo que, desde Siquelag, a cidade que o rei Aquix lle asigna, David defende os intereses das cidades de Xudá.

**27**, 6ss *Siquelag*, no S do territorio filisteo, pero non lonxe da fronteira de Xudá, ao NO de Beerxeba, era un bo sitio para poder servir ao mesmo tempo aos filisteos e a Xudá, defendéndoos dos cananeos e das tribos nómades do sur. Co froito das razzias vivían os seus homes, e inda lles podía facer agasallos ás poboacións que o axudaban (**30**, 26-31).

**28**, 1s Agora preséntaselle á David o máis grave dos compromisos: ter que loitar cos filisteos en contra do propio pobo. Pero librárono del os mesmos filisteos, temerosos de que no medio da batalla se volva en contra deles (**29**, 3ss). David non lle di a Aquix, na resposta, a quen beneficiarán as súas fazañas.

**28**, 3 A noticia xa se dera en **25**, 1.

cidade. Xaúl desterrara do país os nigromantes e os adiviños. [4]Os filisteos reuníronse e acamparon en Xunem. Xaúl, pola súa parte, reuniu a todo Israel e acamparon en Guilboa. [5]Ao ver Xaúl o campamento filisteo, tivo medo e tremíalle o corazón. [6]Xaúl consultou o Señor, pero o Señor non lle respondeu nin por soños, nin polas sortes, nin por profetas. [7]Entón ordenoulles Xaúl aos seus criados: –Buscádeme unha muller que convoque os mortos para ir consultar por ela.

Os seus servidores respondéronlle: –Aquí cerca, en Endor, hai unha muller que convoca os mortos.

[8]Xaúl disfrazouse, vestindo roupas alleas, foi con dous dos seus homes e entrou de noite onda a muller. Xaúl ordenoulle: –Adivíñame o porvir, chamando un morto. Fai subir a quen eu che diga.

[9]A muller respondeulle: –Ti sabes seguramente o que fixo Xaúl, que desterrou deste país aos nigromantes e aos adiviños. Por que me tendes agora unha trampa, para facéresme morrer?

[10]Xaúl xuroulle polo Señor: –Vive o Señor, que non che ha vir por isto mal ningún.

[11]A muller preguntoulle entón: –A quen queres que chame?

El respondeulle: –Convoca a Samuel.

[12]Cando a muller viu a Samuel, pegou un berro e díxolle a Xaúl: –Por que me enganaches? Ti es Xaúl.

[13]O rei díxolle: –Non teñas medo. Que é o que ves?

A muller díxolle a Xaúl: –Vexo un espírito que sobe da terra.

[14]El preguntoulle: –Que aspecto ten?

Ela dixo: –O dun home vello, envolto nun manto.

Xaúl comprendeu que era Samuel e inclinouse, prostrándose no chan. [15]Samuel preguntoulle a Xaúl: –Por que me incomodas facéndome subir?

Xaúl respondeulle: –Véxome en grande apuro. Os filisteos decláranme a guerra e Deus arredouse de min: non me responde nin por profetas nin por soños. Chameite a ti para que me digas o que teño que facer.

[16]Samuel díxolle: –E que me preguntas a min, se o Señor se arredou de ti e se fixo o teu inimigo? [17]O Señor está cumprindo o que dixera por min. Arrinca o reino das túas mans, para darllo a outro, a David. [18]Xa que ti non obedeciches as ordes do Señor e non fixeches sentir a Amalec o fogo da súa carraxe, por iso te trata o Señor hoxe deste xeito. [19]O Señor entrega contigo tamén a Israel na man dos filisteos. Mañá ti e mais os teus fillos estaredes comigo, e o Señor entregará tamén nas mans dos filisteos o exército de Israel.

[20]De súpeto Xaúl caeu polo chan, tan longo como era, morto de medo polas palabras de Samuel. Amais estaba desfalecido, pois non comera nada en todo o día e en toda a noite. [21]A muller achegouse a Xaúl e, ao velo tan amedrentado, díxolle: –Ti ves que a túa serva obedeceu as túas ordes; por facer caso das túas palabras, arrisquei a miña vida. [22]Agora obedece ti tamén á túa serva e déixame que che poña diante un anaco de pan, para que, comendo, recobres as forzas e poidas seguir o teu camiño.

[23]El rexeitouno dicindo: –Non quero comer.

Pero os seus servidores e mais a muller seguíronlle porfiando e el fíxolles caso. Erguéndose do chan, sentou no escano. [24]A muller tiña na casa un becerro cebado e foi axiña matalo. Logo colleu fariña e amasouna e coceu unhas fogazas. [25]Serviulle de todo a Xaúl e aos seus servidores, que comeron. Despois, na mesma noite, botáronse ao camiño.

### David excluído do exército filisteo

**29** [1]Os filisteos concentraron toda a súa tropa en Afécah e Israel acampou onda a fonte de Iezrael. [2]Os príncipes filisteos marchaban co seu exército dividido en centurias e en milleiros. David e os seus homes ían con Aquix na retagarda. [3]Os xenerais dos filisteos preguntaron: –Que fan aí eses hebreos?

Aquix respondeulles: –Ese é David, vasalo de Xaúl, o rei de Israel. Leva comigo

**28**, 6s A consulta non ten resposta polas vías lexítimas, e Xaúl acode á nigromancia, que estaba prohibida (Lev **19**, 31; 2 Re **21**, 6; Is **8**, 19).

**28**, 11s Cando ve que o evocado é Samuel, a muller recoñece a Xaúl polas relacións do rei co profeta.

**28**, 13 *Un espírito*, ou, como di o texto, un "elohim", un deus, termo que raramente se refire aos homes (Sal **8**, 6) e nunca aos mortos. Samuel sobe do "Xeol", lugar dos mortos (Núm **16**, 33).

**28**, 17 O Samuel morto non fai senón confirmar a desgraza de Xaúl, anunciada por Samuel vivo (**15**, 28s), e repetir a mesma denuncia.

**28**, 19 Israel, que elixira a Xaúl, vese agora arrastrado na súa sorte.

**29** David chegara con Aquix ao campo da batalla (**28**, 1s), pero a desconfianza dos príncipes filisteos librouno de loitar contra o seu pobo. Despois de pedirlle desculpas, Aquix despídeo, cos seus homes, para que volva a Siquelag.

**29**, 1 A confrontación final de Xaúl cos filisteos líbrase no norte do país, nos montes de Guilboa, cabo do val de Esdrelón.

cousa dun ou dous anos e, desde o día en que se pasou onda min ata o presente, non atopei nada en contra del.

4Os príncipes dos filisteos dixéronlle a Aquix, anoxados: –Despide ese home; que volva ao lugar que lle sinalaches. Que non baixe connosco á guerra e, se cadra, no medio do combate, se nos converta en inimigo. Con que se reconciliaría co seu amo mellor que coas cabezas dos nosos homes? 5Non é ese aquel David do que cantaban en roda:

"Xaúl matou os seus mil,
pero David os seus dez mil?".

6Aquix chamou a David, para dicirlle: –Pola vida do Señor! Ti es home de ben e gustaríame moito verte entrar e saír canda min no campamento, pois, desde o día da túa chegada ata hoxe, non atopei maldade en ti. Pero os outros príncipes non te ven con bos ollos. 7Vólvete, logo, e vaite en paz, para non causarlles un desgusto aos príncipes dos filisteos.

8David díxolle a Aquix: –Que é, logo, o que fixen e que atopaches no teu servo, desde o día que cheguei onda ti ata o presente, para que non poida ir ao combate contra os inimigos do rei, meu señor?

9Aquix respondeulle a David: –Sabes ben que, aos meus ollos, ti es bo coma un anxo de Deus. Pero os príncipes filisteos decidiron que non subirás connosco ao combate. 10E con iso, pola mañá, erguédevos cedo, ti e os servos do teu señor que viñeron contigo, e, ao clarexar do día, ídevos.

11David e os seus homes madrugaron e fóronse de mañá, de volta cara ao país dos filisteos. Os filisteos, pola súa parte, subiron a Iezrael.

### Expedición de David contra os amalecitas

**30** 1Cando, ao cabo de tres días, chegaron a Siquelag David e os seus homes, os amalecitas invadiran o Négueb e Siquelag. A Siquelag arrasárano e prendéranlle lume. 2Levaran cativas as mulleres e todo o que había alí, pequeno ou grande. Non mataran a ninguén, pero collérano todo e emprenderan camiño de volta. 3Cando David e os seus homes entraron na cidade, viron que estaba queimada e que as súas mulleres e os seus fillos foran levados prisioneiros. 4David e a xente que ía con el botáronse a chorar, berrando ata acabárselles as forzas. 5Tamén foran cativas as dúas mulleres de David, Ahinoam de Iezrael e Abigail, a que fora muller de Nabal de Carmel.

6David viuse, daquela, nun bo apuro, pois a xente, aflixida cada un polos seus fillos e as súas fillas, falaban de apedralo. David atopou conforto no Señor, o seu Deus, 7e díxolle ao sacerdote Abiatar, fillo de Ahimélec: –Tráeme aquí o *efod*.

E Abiatar acercoullo. 8David consultou o Señor, preguntando: –Perseguirei esa banda? Atrapareina?

E o Señor respondeulle: –Persígueos; atraparalos e rescatarás o que levaron.

9David foi cos seiscentos homes que o acompañaban e chegaron á fervenza de Besor, onde algúns deles quedaron. 10David seguiu a persecución con catrocentos homes. Douscentos deles quedaron, cansos de máis para atravesar a fervenza de Besor. 11No campo atoparon un exipcio e leváronllo a David. Déronlle pan e auga, para que comese e bebese, 12e tamén torta de figos e dous acios de uvas pasas. En comendo, reanimouse, pois levaba tres días e tres noites sen comer nin beber. 13Entón preguntoulle David: –De quen es e de onde vés?

El respondeulle: –Son un mozo exipcio, servo dun amalecita. O meu amo abandonoume, porque me puxen mal, hai tres días. 14Fixeramos unha incursión polo Négueb dos quereteos, o de Xudá e o de Caleb, e prenderámoslle lume a Siquelag.

15David preguntoulle aínda: –Levaríasme onda esa banda?

El respondeulle: –Se me xuras que non me matarás nin me porás nas mans do meu amo, levareite onde está a banda.

16Guiounos alá e atopáronos ciscados polo campo, comendo e bebendo e facendo festa, pola gran facenda que levaran da terra

**29**, 5 A cantilena que anoxaba a Xaúl (**18**, 7s), e con máis razón aos filisteos.
**30** Este relato lévanos lonxe do combate de Xaúl cos filisteos, para ver que sorpresa lle agarda a David, de volta a Siquelag: a cidade queimada, as facendas roubadas e a xente levada cativa polos amalecitas. David cos seus homes rescata os cativos e víngase dos amalecitas. Con isto, David fai agora o que debera facer Xaúl, ao comezo do seu reinado (c. **15**).

**30**, 6-8 David ten que enfrontarse cun levantamento dos seus homes e acode á consulta de Deus, para saber o que ha facer.
**30**, 14 Os amalecitas eran nómades, que vivían no norte do Négueb e que se sostiñan de razzias nas terras dos arredores. Había tempo que os israelitas tiveran encontros con eles (Éx **17**, 8ss; 1 Sam **15**; en Xuí **6-7**, asociados cos madianitas). Os quereteos eran cretenses de orixe; deles recrutou homes David para a súa garda (2 Sam **8**, 18).

dos filisteos e do país de Xudá. [17]David mallou neles da mañá á noite. Só se salvaron de entre todos coma catrocentos mozos, que escaparon montados en camelos. [18]David rescatou todo o que os amalecitas levaran e salvou as súas dúas mulleres. [19]Non botaron en falta a ninguén, nin pequeno nin grande, nin fillo nin filla, nin nada dos espolios de todo o que roubaran. David recobrouno todo. [20]A xente colleu dos rabaños e dos bois e presentoullo a David dicindo: –Esta é a parte de David.

[21]Despois volveu David onda os douscentos homes que, por cansos, non puideran seguilo e quedaran onda a fervenza de Besor. Eles saíran ao encontro de David e da xente que fora con el. David acercouse e saudounos. [22]Algúns malvados de entre os homes que foran con David, dicían: –Xa que non foron canda nós, que non se lles dea nada dos espolios que rescatamos, fóra da muller e dos fillos. Que os collan e que marchen.

[23]Mais David dixo: –Non fagades iso, irmáns, visto o que o Señor fixo por nós, gardándonos e póndonos nas mans esa banda que viña contra nós. [24]Quen podería estar de acordo con esa vosa proposta? Porque a parte dos que descenden ao combate é a mesma que a dos que gardan a bagaxe. Todos terán a mesma parte.

[25]Desde aquel día en diante, e ata hoxe, iso quedou como lei e norma en Israel.

[26]Chegado de volta a Siquelag, David mandoulles parte do botín aos anciáns de Xudá e aos seus amigos, dicindo: –Aí tedes un agasallo, do botín dos inimigos do Señor.

[27]Mandóullelo aos de Betuel, aos de Ramot do Négueb e aos de Iatir, [28]aos de Aroer, aos de Sifemot e aos de Extemoa, [29]aos de Carmel, aos das cidades dos ierahmelitas e aos das dos quenitas, [30]aos de Hormah, aos de Boraxán e aos de Atac, [31]aos de Hebrón e aos de todos os lugares que David percorrera cos seus homes.

## Morte de Xaúl e de Ionatán

**31** [1]Os filisteos abriron o combate en contra de Israel. Os soldados de Israel retrocederon diante dos filisteos e moitos caeron nos montes de Guilboa. [2]Os filisteos seguiron de preto a Xaúl e os seus fillos e feriron de morte a Ionatán, a Abinadab e a Melquixúa, fillos de Xaúl. [3]O peso do combate caeu sobre Xaúl. Ao daren con el os arqueiros, ferírono gravemente. [4]Xaúl díxolle entón ao escudeiro: –Saca a túa espada e atravésame con ela, antes de que cheguen eses incircuncisos e me atravesen eles e fagan escarnio de min.

Pero o escudeiro non quixo atravesalo, pois estaba morto de medo. Entón colleu Xaúl a súa espada e deixouse caer enriba dela. [5]En vendo o escudeiro que morrera Xaúl, botouse el tamén sobre a súa espada e morreu con el. [6]Morreron no mesmo día Xaúl e os seus tres fillos, o seu escudeiro e moitos dos seus homes. [7]Cando os israelitas que vivían do outro lado do val e en Transxordania, viron que os soldados de Israel fuxían e que morreran Xaúl e seus fillos, abandonaron as súas cidades e escaparon. E os filisteos estableceronse alí.

[8]Ao día seguinte foron os filisteos espoliar os cadáveres e atoparon a Xaúl e os seus tres fillos mortos no monte Guilboa. [9]Tronzáronlles a cabeza, quitáronlles as súas armas e mandáronas por todo o país dos filisteos, levando a boa nova aos seus ídolos e ao seu pobo. [10]As súas armas puxéronas no templo de Axtarté e os cadáveres penduráronos nos muros de Bet-Xeán. [11]Cando souberon todo iso e o que os filisteos fixeran con Xaúl, os veciños de Iabex de Galaad [12]erguéronse todos os valentes de entre eles, camiñaron a noite toda e tiraron dos muros de Bet-Xeán o cadáver de Xaúl e os dos seus fillos. Leváronos a Iabex e alí queimáronos. [13]Despois recolleron os seus ósos, enterráronos debaixo do mato de Iabex e xaxuaron sete días.

**30**, 26-31 David tenta de compensar con estes agasallos ás cidades do Négueb de Xudá, polos prexuízos que lles puidesen causar el cos seus homes, buscando onda eles provisións.

**31** A batalla de Guilboa, preparada xa en **28**, 1-3, deixou aos filisteos donos dunha franxa que percorre a terra chá de Esdrelón e vai ata o outro lado do Xordán. Pero o relato concentrouse na sorte de Xaúl. Amais da súa morte está tamén a desfeita do exército.

**31**, 4 Morrer a man dos incircuncisos filisteos sería moi grande aldraxe. Nin o suicidio espanta tanto ao narrador (1 Re **16**, 18; 2 Mac **14**, 37-47).

**31**, 11s Os de Iabex estábanlle agradecidos a Xaúl, quen os librara dos amonitas (c. **11**).

# LIBRO SEGUNDO DE SAMUEL

### A nova da derrota de Israel chega a David

**1** [1]Despois da morte de Xaúl, David, vencedor dos amalecitas, volvera para Siquelag. [2]Ao terceiro día diso, chegou un home do campamento de Xaúl, coa roupa toda rachada e a cabeza cuberta de po. Presentouse a David e saudouno, prostrándose rostro en terra. [3]David preguntoulle: –De onde vés?

E el respondeulle: –Escapei do campamento de Israel.

[4]David insistiu: –Que foi o que pasou? Cóntamo!

E el dixo: –Os soldados fuxiron do combate; moitos deles caeron mortos e morreron tamén Xaúl e o seu fillo Ionatán.

[5]David preguntoulle aínda ao mozo que o estaba informando: [6]–Como sabes que morreu Xaúl e o seu fillo Ionatán?

O mozo respondeulle: –Eu atopábame casualmente no monte de Guilboa e vin que Xaúl se apoiaba na súa lanza, ao tempo que os carros e os xinetes estaban para collelo. [7]Xaúl volveuse para atrás e, ao verme, chamou por min. Eu díxenlle: "Aquí estou". [8]El preguntoume: "Ti quen es?". E eu respondinlle: "Son un amalecita". [9]Entón díxome el: "Bótate a min e remátame; agarroume a vertixe da morte, pero aínda me queda vida". [10]Eu boteime entón a el e remateino, pois estaba seguro de que non sobreviviría á caída. Despois quiteille a coroa que levaba na cabeza e o brazalete do seu brazo e aquí llos traio ao meu señor.

[11]David agarrou o seu manto e rachouno; e o mesmo os seus homes todos. [12]Fixeron dó, choraron e xaxuaron ata a tarde por Xaúl, polo seu fillo Ionatán, polo pobo do Señor e pola casa de Israel, que caeran a fío de espada. [13]David preguntoulle ao mozo que lle trouxera as noticias: –Ti de onde es?

E el respondeulle: –Son fillo dun forasteiro amalecita.

[14]E David díxolle: –E como te atreviches a erguer a man para matar o unxido do Señor?

[15]David chamou a un dos seus servidores e ordenoulle: –Acércate onda el e mátao.

E o servente feriuno e matouno. [16]David dixo cara a el: –Que o teu sangue recaia enriba da túa cabeza, pois a túa propia boca falou contra ti, cando dixeches: "Eu matei o unxido do Señor".

### Elexía por Xaúl e Ionatán

[17]David entoou, daquela, por Xaúl e polo seu fillo Ionatán, esta elexía [18]e mandou que a aprendesen os fillos de Xudá. Atópase escrita no libro do Xusto.

[19]Ai, a túa flor, Israel,
cadáveres nos teus outeiros!
Como caeron os valentes!
[20]Non o contedes en Gat,
non o pregoedes nas rúas de Axquelón,
para que non se aleden
as fillas dos filisteos,
para que non rebulden
as fillas dos incircuncisos.
[21]Montes de Guilboa,
nin orballo nin choiva
caian enriba de vós, altas mesetas,
xa que alí se luxaron
os escudos dos heroes,
o escudo de Xaúl, non unxido con óleo,
[22]senón con sangue de feridos
e graxa de valentes.
O arco de Ionatán nunca retrocedeu,
nin a espada de Xaúl
volveu nunca en baleiro.
[23]Xaúl e Ionatán, queridos e agarimosos,
nin a vida nin a morte os separou,
máis lixeiros ca as aguias,
máis fortes ca os leóns.
[24]Fillas de Israel, chorade por Xaúl,
o que vos vestía de púrpura preciosa
e adornaba os vosos vestidos

**1** O feito da derrota de Israel e da morte de Xaúl cos seus fillos, está contado á luz do impacto que produciu a noticia en David. David encaixa a desgraza no sentimento pola morte de Xaúl e de Ionatán, para os que canta unha elexía. Na primeira parte do c. é protagonista a noticia (coma en 1 Sam **4**); na segunda, a dor de David. Outra versión da desfeita, en 1 Sam **31**.

**1**, 1-4 Unha versión de como lle chega a noticia a David.

**1**, 5-10 A mesma noticia completada ou, quizais, unha versión diferente da mesma. O portador espera unha recompensa, crendo que leva boas noticias. En vista diso, conta detalles que non houbo. Recórdese a noticia da morte de Ixbóxet (2 Sam **4**).

**1**, 11-12 Parecen cadrar mellor despois do v. 4.

**1**, 14 Razón da xustiza, a sacralidade do unxido, coma 1 Sam **24**, 7; **26**, 9.

**1**, 17-27 Esta elexía pode ben ser de David. Sería unha mostra da inspiración poética do rei a quen a tradición lle atribúe os Salmos. Esconxura a celebración que puidesen facer os inimigos da morte de Xaúl, e maldí os montes de Guilboa, lugar de morte e non de vida, para deixar saír só a dor polos caídos. É dor por todo Israel, mais, sobre todo, por Xaúl e por Ionatán, o amigo das súas entrañas.

**1**, 18 *O libro do Xusto* debe ser unha escolma de poemas (Xos **10**, 13).

con enfeites de ouro.
[25]Como caeron os heroes
no medio do combate!
Ionatán, ferido de morte nos outeiros!
[26]Dóiome por ti, meu irmán, Ionatán.
Canto te quería!
O teu amor era máis doce para min
ca o amor das mulleres.
[27]Como caeron os heroes
e pereceron as armas da guerra!

## IV. DAVID, REI DE XUDÁ E DE ISRAEL

### Rei de Xudá en Hebrón

**2** [1]Despois diso, David consultou o Señor:
–Debo subir a algunha das cidades de Xudá?
E o Señor respondeulle: –Sube.
David preguntou: –A cal delas?
O Señor respondeulle: –A Hebrón.
[2]David subiu alá coas súas dúas mulleres, Ahinoam de Iezrael e Abigail, a que fora muller de Nabal de Carmel. [3]David levou tamén os seus homes, cada un coa súa familia, e estableceronse nos arredores de Hebrón. [4]Viñeron os homes de Xudá e unxiron alí a David por rei da casa de Xudá. David tivo noticia de que os veciños de Iabex de Galaad lle deran terra a Xaúl [5]e mandou mensaxeiros para dicirlles aos de Iabex: "O Señor volo pague, pois fixestes unha boa obra, ao dardes terra a Xaúl, voso señor. [6]Que agora o Señor vos trate a vós con misericordia e lealdade. Eu tamén vos tratarei ben, por esta boa obra que fixestes. [7]Vós recobrade o valor e sede fortes. Agora que o voso señor Xaúl morreu, a casa de Xudá unxiume a min para que sexa o seu rei".

### Abner e Ioab

[8]Pero Abner, fillo de Ner, xeneral de Xaúl, colleu a Ixbóxet, fillo de Xaúl, levouno a Mahanaim [9]e proclamouno rei sobre Galaad, sobre Iezrael, sobre Efraím, sobre Benxamín e sobre todo Israel. [10]Ixbóxet, fillo de Xaúl, tiña corenta anos cando empezou a reinar sobre Israel e reinou por dous anos. Soamente a casa de Xudá seguía a David. [11]O reinado de David en Hebrón, sobre a casa de Xudá, foi de sete anos e medio. [12]Abner, fillo de Ner, e os seguidores de Ixbóxet, fillo de Xaúl, saíron de Mahanaim para Gabaón. [13]Da outra parte viña Ioab, fillo de Seruiah, cos seguidores de David. Encontráronse todos onda o estanque de Gabaón, apostándose uns dun lado da represa e os outros do outro. [14]Abner propúxolle a Ioab: –Que saian uns poucos mozos e que loiten á vista nosa.
Ioab respondeulle: –Que saian.
[15]Por Ixbóxet, fillo de Xaúl, presentáronse doce benxaminitas, e por David, doce dos seus seguidores. [16]Cada un agarrou pola cabeza o seu contrario e cravoulle a espada nas costelas; e caeron todos a unha. A aquel lugar, que está onda Gabaón, chamóuselle "Campo do Costelar". [17]O combate foi rexo aquel día. Abner e os homes de Israel foron vencidos polos seguidores de David. [18]Estaban alí os tres fillos de Seruiah, Ioab, Abixai e Asael. Asael tiña os pés lixeiros, coma unha gacela, [19]e correu perseguindo a Abner, sen apartarse de detrás del, nin á dereita nin á esquerda. [20]Abner volveuse e preguntoulle:
–Es ti, Asael?
E el respondeulle: –Son eu.
[21]Abner díxolle: –Torce á dereita ou á esquerda, agarra un deses homes e quítalle as armas.

**2** Aquí é onde empeza a historia do reinado de David. O capítulo non gasta tempo en contar como os de Xudá recoñeceron a David como rei. David preparara o camiño nos anos de vida fuxidía (1 Sam **30**, 26-31). A pregunta pendente é a do reinado sobre Israel. A chave, polo momento, tena Abner, que fixo elixir rei ao fillo de Xaúl e que lle fai fronte a David.
**2**, 1 Hebrón foi a primeira capital de David. Mentres o reino se limitaba a Xudá, Hebrón era a cidade máis importante e central.
**2**, 4-7 David trata de dispor a poboación de Iabex en favor da súa elección. A parte diso, a acción de Iabex cos restos de Xaúl merecía recoñecemento (1 Sam **31**, 11-13).
**2**, 8 O verdadeiro nome de Ixbóxet era Ixbaal. A xenreira polo nome de Baal suxeriu ese alcume; boxet, vergonza, de onde, home de vergonza. O seu reinado non se lexitima polo principio da sucesión, que non contaba con precedentes. Ixbóxet foi imposto por Abner, que é, de feito, quen reina.
**2**, 10 A fórmula deuteronomista dos libros dos Reis.
**2**, 12 No enfrontamento de Gabaón, Abner pretende quitarlle a David a tribo de Xudá, e que esta recoñeza ao fillo de Xaúl. Ioab loita á defensiva.
**2**, 14ss Para aforrar perdas de homes, o combate sostense entre uns poucos de cada bando. O que saia, será bo para os dous exércitos, coma no caso do combate singular entre David e Goliat (1 Sam **17**). Pero os elixidos para a loita morren todos e o combate xeneralízase (v. 17).
**2**, 18ss Os ollos do narrador paráronse en Asael, que corre detrás de Abner. Este mátao e abre un caso de vinganza de sangue (2 Sam **3**, 22s).

Pero Asael non quixo afastarse del. [22]Abner díxolle outra vez: –Arreda de tras de min. Por que me obrigas a botarte á terra? Como me presentaría eu despois diante de Ioab, o teu irmán?

[23]El non quixo arredarse e Abner feriuno coa lanza para atrás, dereito cara á illarga, e saíulle polo outro lado. Asael caeu morto alí mesmo. Os que chegaban ao lugar onde Asael caera morto, todos se detiñan. [24]Ioab e Abixai saíron perseguindo a Abner. Á posta do sol chegaron ao outeiro de Amá, enfronte de Guíah no camiño do ermo de Gabaón. [25]Os benxaminitas xuntáronse facendo unha tropa con Abner e detivéronse no cume dun outeiro. [26]Abner berroulle a Ioab: –Seica non se fartará a espada de sangue? Non sabes que o final será amargo? Canto tardarás en dicirlle á túa xente que deixe de perseguir os seus irmáns?

[27]Ioab respondeulle: –Vive Deus que se non falases, o pobo non deixaría de perseguir os seus irmáns ata mañá.

[28]Ioab tocou a trompeta e todos se detiveron. Deixaron de perseguir a Israel e non seguiron combatendo. [29]Abner e os seus homes camiñaron toda aquela noite polo ermo, pasaron o Xordán e, percorrendo todo Bitrón, chegaron a Mahanaim. [30]Ioab deixou tamén de perseguir a Abner e reuniu a súa xente. Dos seguidores de David faltaban dezanove homes amais de Asael. [31]Pero os seguidores de David mataran trescentos sesenta benxaminitas dos homes de Abner. [32]O cadáver de Asael levárono consigo e enterrárono en Belén no sartego da súa familia. Ioab e os seus homes camiñaron a noite toda e amenceulles en Hebrón.

### Fillos de David

**3** [1]A guerra entre a casa de Xaúl e a de David fíxose longa. David medraba, mentres a casa de Xaúl esmorecía. [2]A David nacéronlle varios fillos en Hebrón. O primoxénito foi Amnón, fillo de Ahinoam de Iezrael. [3]O segundo foi Quilab, fillo de Abigail, a que fora muller de Nabal de Carmel. O terceiro foi Abxalom, fillo de Macah, a filla de Talmai, rei de Guexur. [4]O cuarto foi Adonías, fillo de Haguit. O quinto Xafatías, fillo de Abital. [5]O sexto Itream, fillo de Eglah, muller de David. Todos eles nacéronlle a David en Hebrón.

### Morte de Abner

[6]No curso da guerra que sostiveron a casa de Xaúl e a de David, Abner fíxose forte na casa de Xaúl. [7]Xaúl tivera unha concubina que se chamaba Rispah, filla de Aiah. E Ixbóxet díxolle a Abner: –Por que te achegaches á concubina de meu pai?

[8]Abner enfadouse moito polas palabras de Ixbóxet e dixo: –Son eu a cabeza dun can de Xudá? Ata hoxe tiven piedade da familia de teu pai Xaúl, dos seus irmáns e dos seus amigos; e a ti non te entreguei no poder de David. E ti pídesme agora contas dunha falta con esa muller? [9]Que Deus castigue a Abner, se non fago en favor de David o que o Señor lle ten xurado: [10]quitarlle o reino á familia de Xaúl e afincar o trono de David sobre Israel e Xudá desde Dan a Beerxeba.

[11]Ixbóxet non ousou replicar a Abner do medo que lle tiña. [12]Entón mandou Abner mensaxeiros a David para que lle propuxesen da súa parte: "A quen lle pertence o país?", queréndolle dicir: Dáte á avinza comigo e axudareiche a que todo Israel se poña da túa parte. [13]David respondeulle: "Está ben. Farei un pacto contigo. Soamente che pido unha cousa: non te presentes diante de min se non traes contigo, ao vires verme, a Micol, a filla de Xaúl". [14]David mandou, pola súa parte, mensaxeiros, que dixeran a Ixbóxet: "Devólveme a Micol, que eu adquirín como muller por cen prepucios de filisteos". [15]Entón mandou Ixbóxet que lla quitasen ao seu home Paltiel, fillo de Laix. [16]O seu home foi ata Bahurim chorando detrás dela. Pero alí díxolle Abner: –Dá a volta.

E el deuna.

[17]Abner díxolles aos vellos de Israel: –Hai algún tempo queriades que David fose o voso rei. [18]Facédeo, logo, agora, pois o Señor ten dito de David: "Pola man do meu servo David librarei ao meu pobo Israel do poder dos filisteos e do de todos os seus inimigos".

**2**, 26s Abner dá por perdido o combate. Os dous contendentes ven a cousa como guerra entre irmáns.
**3** Os pasos seguintes cara ao reinado de David sobre Israel axudoullos a dar o mesmo Abner, que lle foi ofrecer o reino de Ixbóxet. A morte de Abner pola man de Ioab cerra ese camiño; pero axiña se abre outro.
**3**, 1 David crece, gañando batallas e creando unha familia.
**3**, 7 Achegándose á concubina de Xaúl, Abner xoga a ser rei (2 Sam **12**, 8; **16**, 20-22; 1 Re **2**, 22).
**3**, 9s Abner obra na convicción de que o reino de Ixbóxet, que el fundara, non tiña ningún porvir.
**3**, 13s David quere que lle devolvan a Micol, súa muller (1 Sam **18**, 20-27); Xaúl déralla a Paltiel (1 Sam **25**, 44); agora David reclama con ela un título de sucesión ao reino de Xaúl.
**3**, 17s As razóns que Abner lles dá aos homes de Israel, son as que tiña el mesmo contra a continuidade de Ixbóxet.

[19]Abner faloulles tamén aos de Benxamín. Despois foi a Hebrón para falar con David e dicirlle o que decidira Israel e toda a casa de Benxamín. [20]Abner chegou a Hebrón, onda David, con vinte homes; e David preparou un banquete para todos. [21]Abner díxolle a David: –Irei e reunirei a todo Israel ao redor do rei, meu señor. Farán un pacto contigo e ti reinarás sobre eles conforme os teus anhelos.

Despois diso David despediu a Abner, que marchou en paz. [22]Niso chegaron dunha incursión os homes de David e Ioab con eles, traendo un gran botín. Abner non estaba xa en Hebrón, onda David, pois este xa o despedira e el fórase en paz. [23]Ao entrar Ioab cos seus soldados, déronlle a noticia: –Abner, fillo de Ner, veu onda o rei. Este despediuno e el marchou en paz.

[24]Ioab presentouse onda o rei para dicirlle: –Que é o que fixeches? Agora que Abner veu onda ti, por que deixaches que se fose? [25]Ti sabes que Abner, fillo de Ner, veu onda ti para engaiolarte, para informarse dos teus movementos e para coñecer os teus proxectos.

[26]Ioab saíu de onda David e mandou mensaxeiros tras de Abner; e, sen sabelo David, fixérono volver desde o pozo de Sirah. [27]Cando Abner estivo de volta en Hebrón, Ioab levouno á parte, a un lado da porta, como para falarlle en segredo. Alí feriuno no ventre e matouno, en vinganza da morte do seu irmán Asael. [28]Cando David soubo o acontecido protestou: –Eu e o meu reino somos inocentes diante do Señor do sangue de Abner, fillo de Ner. [29]Que caia sobre a cabeza de Ioab e sobre toda a súa familia. Que na familia de Ioab non deixe nunca de haber tiñosos e leprosos, trencos, mortos á espada e famentos.

[30]Ioab e o seu irmán Abixai mataron a Abner, porque este matara o irmán deles, Asael, no combate de Gabaón. [31]David ordenoulles a Ioab e aos soldados que tiña con el: –Rachade as vosas roupas, cinguídevos co saco e póndevos de loito por Abner.

E o rei mesmo ía camiñando tras do féretro.

[32]Enterraron a Abner en Hebrón e o rei rompeu a chorar xunto ao sartego. Toda a xente choraba [33]e o rei entoou esta elexía por Abner:

Tiña que morrer Abner coma un necio?
[34]As túas mans non foran atadas
e os teus pés non foran pexados
con cadeas.
Caíches coma cando se cae
por obra de malfeitores.

[35]O pobo todo seguía chorando por Abner. Despois acercáronse a David para facerlle comer algo, mentres era aínda de día. Pero el xurou: –Que Deus me castigue, se probo un bocado de pan ou de calquera outra cousa antes da posta do sol.

[36]A xente escoitou aquilo e aprobouno, pois todo o que o rei facía parecíalle ben. [37]Aquel día souberon todos, Israel enteiro, que o rei non tivera que ver coa morte de Abner, fillo de Ner. [38]O rei díxolles aos seus servidores: –Decatádesvos de que hoxe caeu un xefe e un gran home en Israel? [39]Hoxe estiven eu brando, mesmo se son o rei unxido. Estes homes, fillos de Seruiah, foron máis duros ca min. Que o Señor lle pague ao malfeitor conforme a súa maldade.

### Morte de Ixbóxet

**4** [1]Cando Ixbóxet, fillo de Xaúl, soubo que morrera Abner en Hebrón, acovardouse e todo Israel quedou estarrecido. [2]O fillo de Xaúl tiña dous xefes de guerrilleiros, un chamado Banah e o outro Recab, fillos de Rimón de Beerot, benxaminitas, xa que Beerot se lle atribuía a Benxamín. [3]Os de Beerot marcharan a Guitaim, onde residen hoxe.

[4]Ionatán, fillo de Xaúl, tiña un fillo, tolleito dos pés. Cando chegara de Iezrael a nova da morte de Xaúl e de Ionatán, o neno tiña cinco anos. A súa criada saíu fuxindo e, coas présas, caeulle o neno e quedou coxo. Chamábase Meribaal.

**3**, 27 Ioab mata a Abner en vinganza do sangue de seu irmán Asael (2 Sam **2**, 22s) e prevendo nel, quizais, un rival como xefe do exército de David. Outro caso en 2 Sam **20**, 7-10.
**3**, 28s David non quere nin sombra de culpa na morte de Abner; é o crime de Ioab.
**3**, 34 A elexía denuncia a morte de Abner como feita á traizón.
**3**, 39 Unha das moitas reprensións de David aos fillos de Seruiah. David foi sumando todo, para deixarlle unha nota a Salomón (1 Re **2**, 5s. 28ss).
**4** A morte de Ixbóxet, "acovardado" xa pola desaparición de Abner, ábrelle a David o camiño para facerse co trono de Israel. Pero David quere que quede claro que el non aproba o rexicidio que acabou co reinado da casa de Xaúl.
**4**, 4 O nome de Meribaal tamén se deformou en Mefibóxet, coma o de Ixbaal (2 Sam **2**, 8 nota).

5Os fillos de Rimón de Beerot, Recab e
Banah, ían de camiño e chegaron á casa de
Ixbóxet, nas horas da calor, cando el estaba
deitado durmindo a sesta. 6A porteira da casa
estaba limpando o gran e quedara durmida.
7Eles entraron na casa, ata a alcoba onde
Ixbóxet estaba deitado e ferírono de morte.
Cortáronlle a cabeza e levárona consigo, ca-
miñando polo ermo toda aquela noite. 8Che-
garon coa cabeza de Ixbóxet a Hebrón, xunto
a David, e dixéronlle ao rei: –Aquí tes a ca-
beza de Ixbóxet, fillo de Xaúl, o teu inimigo,
que quixo quitarche a vida. Hoxe concéde-
lle o Señor ao rei, noso señor, a vinganza de
Xaúl e da súa descendencia.
9Pero David respondeulle a Recab e ao seu
irmán Banah, fillos de Rimón de Beerot, di-
cindo: –Pola vida do Señor, que me librou
de todos os apertos! 10Se a quen me trouxo
a noticia de que morrera Xaúl, crendo que
me daba boas novas, o collín e o fixen matar
en Siquelag, en recompensa pola súa nova,
11canto máis agora, que uns homes malvados
mataron un home xusto, na súa casa, no seu
leito, pedireivos contas do sangue que verte-
stes, desarraigándovos da terra.
12E David mandoulles aos seus homes que
os matasen. Despois de facelo, cortáronlles
as mans e os pés e penduráronos xunto a re-
presa de Hebrón. A cabeza de Ixbóxet collé-
rona e enterrárona en Hebrón no sartego de
Abner.

### David, rei de Israel

**5** 1Todas as tribos de Israel foron a Hebrón,
xunto a David, para dicirlle: –Aquí nos tes.
Nós somos do teu mesmo sangue. 2Xa de an-
tes, cando Xaúl reinaba sobre nós, eras ti quen
conducía a Israel e o Señor tíñache dito: "Ti
pastarás o meu pobo Israel, ti serás o seu xefe".
3Os anciáns de Israel presentáronse, pois,
onda o rei en Hebrón. O rei David fixo un
pacto alí con eles, diante do Señor, e eles
unxiron a David por rei de Israel. 4David tiña
trinta anos cando empezou a reinar e reinou
corenta anos. 5En Hebrón reinou sobre Xudá
sete anos e medio; en Xerusalén reinou trinta
e tres anos, sobre Israel e Xudá.

### Conquista de Xerusalén

6O rei marchou cos seus homes sobre Xe-
rusalén contra os habitantes daquel país, os
iebuseos. Eles tíñanlle dito a David: –Non
poderás entrar aquí; rexeitarante os cegos e
os coxos. Con iso querían dicir: David non
poderá entrar aquí.
7Pero David conquistou a fortaleza de Sión,
que se converteu na cidade de David. 8Aquel
día David dixera: –Quen queira combater os
iebuseos, que se achegue polo túnel. A eses
coxos e a eses cegos aborréceos David.
De aí saíu aquel dito: "Nin cego nin coxo
entre no templo". 9David instalouse na for-
taleza e chamoulle cidade de David. David
edificou ao redor dela desde o Miló para den-
tro. 10David medraba cada vez máis. O Señor,
Deus dos exércitos, estaba con el.
11Hiram, rei de Tiro, mandoulle unha em-
baixada a David, con madeiras de cedro e con
carpinteiros e canteiros, para que construísen
o palacio de David. 12David comprendeu que
o Señor o confirmaba por rei de Israel e que
por mor do seu pobo Israel engrandecía o
reino.
13Despois de que veu de Hebrón, David
tomou en Xerusalén outras concubinas e ou-
tras mulleres. Delas nacéronlle a David máis
fillos e máis fillas. 14Os nomes dos fillos que
tivo en Xerusalén son Xamá, Xobab, Natán
e Salomón, 15Ibhar, Elixúa, Nafeg e Iafía,
16Elixamá, Eliadá e Elifélet.

### Guerras cos filisteos

17Souberon os filisteos que David fora
unxido rei de Israel e, ao momento, subiron
en busca del. David, ao ter a noticia, baixou

**4**, 6 Este verso está recomposto á luz do texto dos Setenta.
**4**, 8 Os guerrilleiros chegan adulando a David, quizais en espera dun bo posto no exército.
**4**, 9-12 A resposta de David non se fai agardar, dura coma outras veces (2 Sam **2**, 13-16).
**5** Os anciáns de Israel, coma antes os de Xudá (2 Sam **2**, 4), van a Hebrón onda David para unxilo como seu rei. Hai tres compoñentes nese feito: lexitimación sacral do rei por unha palabra do Señor (elemento teocrático), recoñecemento polos representantes de Israel (elemento democrático) e o pacto ante o Señor (vv. 1-3). A realeza de David reúne os dous reinos, que seguirán unidos ata a morte de Salomón (1 Re **12**).
**5**, 6-9 A conquista de Xerusalén foi importante para David: unha capital independente, no límite que une e separa os dous reinos. O texto ten algúns problemas. Os iebuseos xuran que David non poderá nunca entrar na súa cidade. Pero Ioab métese nela cos seus homes, ao parecer, subindo polo túnel, por onde se collía a auga da fonte de Guihón.
**5**, 10 Esta afirmación teolóxica pon toda a historia de David na perspectiva da providencia.
**5**, 11 O tratado de David co fenicio Hiram supón o reino de Israel firme e seguro. Salomón vai mellorar eses pactos cos fenicios para facer as súas grandes obras (1 Re **9**, 11).
**5**, 13-16 Sobre as primeiras mulleres e fillos de David, cf 2 Sam **3**, 2-5.
**5**, 17ss Os filisteos eran os inimigos que David tiña que vencer para construír un verdadeiro estado nesa terra. En dúas batallas afastounos do val de Refaím, na proximidade de Xerusalén.

á súa fortaleza. [18]Os filisteos viñeron e espalláronse polo val de Refaím. [19]David consultou o Señor: –Subirei contra os filisteos? Poralos nas miñas mans?

O Señor respondeulle: –Vai. Entregareinos, seguro, nas túas mans.

[20]David foise a Baal Perasim e alí venceunos, e comentou: –O Señor abriu unha fenda nos meus inimigos diante miña, coma a fenda que abren as augas.

Por iso chamóuselle a aquel lugar Baal Perasim. [21]Os filisteos abandonaron alí os seus ídolos e colléronos David e os seus homes. [22]Os filisteos volveron á contenda, despregándose polo val de Refaím. [23]David consultou o Señor, que lle respondeu: –Non subas. Dá a volta por detrás deles e atácaos do lado das moreiras. [24]Cando sintas ruído de pasos nas copas das moreiras, ataca con decisión, pois é que sae o Señor diante de ti, para derrotar o exército filisteo.

[25]David fixo como lle mandaba o Señor, e derrotou os filisteos desde Gueba ata a entrada de Guézer.

### A Arca en Xerusalén

**6** [1]David reuniu outra vez o máis escolleito de Israel, trinta mil homes, [2]e con toda esa xente foi a Baalá de Xudá, para traer de alí a Arca de Deus, o que leva o nome de Señor dos exércitos, que se senta na Arca enriba dos querubíns. [3]Puxeron nun carro novo a Arca de Deus e sacárona da casa de Abinadab, que estaba no outeiro. Guiaban o carro Uzá e Ahió, fillos de Abinadab. [4]Ao sacaren a Arca de Deus da casa de Abinadab, no outeiro, Ahió ía diante da Arca. [5]Tamén David e todo Israel ían diante do Señor, facendo festa con todas as súas forzas, ao son de arpas e de cítolas, de pandeiros, de sistros e de címbalos.

[6]Chegados á aira de Nacón, Uzá botoulle a man á Arca de Deus para sostela, pois espantáranse os bois. [7]O Señor anoxouse contra Uzá e feriuno alí mesmo de morte ao pé da Arca de Deus. [8]David enrabiouse polo golpe que o Señor dera a Uzá e a aquel lugar quedoulle o nome de Golpe de Uzá ata hoxe. [9]Aquel día David colleulle medo ao Señor e pensou: Como vai vir á miña casa a Arca do Señor? [10]E non quixo levar canda el, á cidade de David, a Arca do Señor, senón que a fixo trasladar á casa de Obededom de Gat. [11]A Arca estivo tres meses na casa de Obededom de Gat e o Señor bendiciu a Obededom e á súa familia.

[12]Contáronlle a David: –O Señor está bendicindo a Obededom e a todo o seu por mor da Arca de Deus.

Entón fixo David subir en festa a Arca do Señor da casa de Obededom á cidade de David. [13]Cada seis pasos que daban os portadores da Arca do Señor, sacrificaban un boi e un becerro. [14]David danzaba con todas as forzas diante do Señor, cinguido co *efod* de liño. [15]Así foi como David e todo Israel levaron a Arca do Señor, entre aclamacións e soar de trompetas. [16]Cando a Arca do Señor entraba na cidade de David, Micol, filla de Xaúl, axexaba pola fiestra, viu como o rei David ía brincando e danzando diante do Señor e sentiu desprezo por el. [17]Logo puxeron no seu sitio a Arca do Señor meténdoa dentro da tenda que David lle preparara. Despois ofreceu David holocaustos e sacrificios de comuñón diante do Señor. [18]En acabando cos sacrificios, David bendiciu ao pobo no nome do Señor dos exércitos. [19]Despois repartiulle a toda a xente, a cada home e muller da xente de Israel, unha bica de pan, unha tallada de carne e unha torta de pasas. A fin marcharon todos, cada un para a súa casa. [20]Cando volvía David para bendicir tamén a súa familia, saíulle ao encontro Micol, filla de Xaúl, e díxolle: –Como se cubriu de gloria hoxe o rei de Israel, espíndose á vista das criadas e dos seus serventes, como se espiría un calquera!

[21]David respondeulle a Micol: –Brinquei diante do Señor, que me preferiu ao teu pai e a toda a túa familia e que me elixiu como xefe do pobo do Señor. Farei festa diante do Señor, [22]anque me rebaixe aínda máis e che pareza desprezable; honraranme esas criadas de que falas.

[23]Micol, filla de Xaúl, non tivo máis fillos en toda a súa vida.

**5**, 20 *Baal Perasim*: "Señor das fendas".
**5**, 24 O rumor do vento nas moreiras, sinal da forza de Deus que se adianta aos soldados de David, para darlles a vitoria.
**6** A Arca do Señor converte a cidade de David no centro relixioso de Israel e Xudá. Os ollos de todo o pobo vólvense cara alí e a cidade será deseguida celebrada nos cantos de Sión. O tema da Arca detivérase en 1 Sam **7**, 1.
**6**, 6s O aspecto numinoso da Arca: pódelle causar a morte ao que teña o atrevemento de tocala. Para levala dun lado para outro ía en longos varais (Éx **25**, 15).
**6**, 12 Pero a Arca é, máis ben, fonte de bendición. Desde o centro de Xerusalén está co pobo enteiro.
**6**, 14 *O efod* non é aquí o instrumento de consulta, senón unha faixa, unha peza do vestido sacerdotal. O rei cumpre aí esa función.
**6**, 21 A actitude de Micol representa ao rei rexeitado, Xaúl; a de David, ao rei elixido.

### A profecía de Natán

**7** [1]Instalado o rei David na súa casa, e como
o Señor lle dera a paz cos seus inimigos
do arredor, [2]díxolle el ao profeta Natán: –Repara que eu estou instalado nunha casa de cedro, mentres a Arca do Señor habita nunha tenda.

[3]Natán respondeulle ao rei: –Todo o que tes no corazón, anda e faino, pois o Señor está contigo.

[4]Pero aquela mesma noite veulle a Natán esta palabra do Señor: [5]–Vai e dille ao meu servo David que isto di o Señor: "Vasme edificar unha casa para que eu habite nela? [6]Desde o día en que saquei os israelitas de Exipto ata hoxe, non habitei en casa ningunha, senón que andei dun lado para outro nunha tenda e nun tabernáculo. [7]E en todo o tempo que andei cos israelitas, faleille, acaso, a algún dos xuíces de Israel, aos que mandei que alindasen o meu pobo, de que me edificasen unha casa de cedro?". [8]Agora, pois, dille ao meu servo David que isto di o Señor dos exércitos: "Eu saqueite das mandas, de detrás dos rabaños, para que foses o xefe do meu pobo Israel. [9]Estiven contigo en todo o que emprendiches e arredei os teus inimigos diante de ti. E dareiche un nome tan grande coma o dos grandes da terra. [10]Eu fixarei tamén un posto para o meu pobo Israel. Eu plantareino e el vivirá alí sen sobresaltos. Non volverán asoballalo os fillos da iniquidade, como fixeron á primeira, [11]no tempo en que puxen xuíces sobre o meu pobo Israel. Dareiche o repouso de todos os inimigos e, por parte, o Señor anúnciache que che dará unha dinastía. [12]Cando se cumpran os teus días e vaias durmir con teus pais, eu establecerei despois de ti un teu descendente, nado das túas entrañas, e farei firme o seu reino. [13]El edificarame unha casa e eu afincarei para sempre o seu reino. [14]Eu serei para el un pai e el será para min un fillo. Se peca, castigareino con vara de homes e con azoutes humanos. [15]Mais non lle retirarei a miña lealdade, como lla retirei a Xaúl, a quen botei da miña presenza. [16]A túa familia e o teu reino permanecerán na miña presenza para sempre, o teu trono manterase firme eternamente". [17]Natán comunicoulle a David estas palabras e toda esta visión.

### Oración de David

[18]Entón o rei David presentouse ao Señor e dixo:

Quen son eu, meu Señor Iavé,
e quen é a miña familia,
para que me fagas chegar ata aquí?
[19]E, por se isto fose pouco
aínda aos teus ollos, Señor Iavé,
falas tamén do porvir
da familia do teu servo.
É isto, Señor Iavé, cousa ben dada?
[20]E que pode engadir David
ao que xa dixo,
se ti, Señor Iavé,
coñeces abondo o teu servo?
[21]Pola túa palabra
e segundo o teu corazón,
ti levas a termo estas cousas
e revélasllas ao teu servo.
[22]Por iso es grande, Señor Iavé,
non hai outro coma ti,
nin hai Deus, fóra de ti,
conforme o que temos oído.
[23]E que nación hai no mundo
coma o teu pobo Israel,
que Deus mesmo foi rescatar,
para facelo seu e darlle un nome
e para facer con el prodixios e milagres,
botando de diante do pobo

**6**, 23 David non volveu onda ela. Deus non lle deu por ela un futuro ao nome de Xaúl.

**7** Ao parecer, foron os acontecementos históricos os que levaron a David ao cume da realeza. Pero, á fin, foi a guía de Deus a que marcou o itinerario. É o que o historiador quere dicir neste capítulo, chave da súa obra. O rei é definido na profecía de Natán coma o unxido de Iavé, un símbolo de promesa e de esperanza. A promesa mesiánica é a que fai de David a gran figura na historia da salvación.

**7**, 3 O profeta, coma o rei, fala segundo se lle entende: Un rei que se prece ten que ter unha capela real. Cando Deus fala, o profeta é outra cousa.

**7**, 4ss A profecía xoga cun contraste: non é David quen vai construír unha casa ao Señor (un santuario), senón o Señor quen vai construír unha casa a David (unha dinastía de reis nacidos del). David terá continuidade na súa descendencia e por ela estará Deus mantendo a esperanza do Mesías no seu pobo.

**7**, 8ss A grandeza de David consiste no que Deus fixo por el en favor do seu pobo.

**7**, 12 Aclárase o sentido de casa: os descendentes de David, herdeiros do seu trono.

**7**, 13 Refírese ao primeiro dos descendentes, Salomón. El construirá, por fin, o santuario que fora rexeitado (vv. 4-7).

**7**, 14 A fórmula só quere dicir que Deus tratará ao rei como un pai trata ao seu fillo. A fórmula da filiación divina adoptiva do rei presenta máis fondo contido teolóxico (Sal **2**, 7).

**7**, 18ss Na primeira parte (vv.18-24) a oración de David é unha acción de grazas; na segunda (vv.25-29), unha súplica por el e pola súa dinastía. O pobo está en todo iso, pois para el son os bens da promesa mesiánica (vv. 23s; Dt **4**, 7).

que libraches de Exipto
aos outros pobos cos seus deuses?
[24]Ti constituíches o pobo de Israel
como pobo teu para sempre
e Ti, Señor, es o seu Deus.
[25]Agora, Señor Deus,
mantenlle ao teu servo
e á súa familia para sempre
a palabra que lles deches,
e cumpre o que lles prometiches.
[26]Sexa exaltado por sempre o teu amor,
e que se diga: "O Señor dos exércitos
é o Deus de Israel".
E que a familia do teu servo David
se manteña firme na túa presenza.
[27]Porque ti, Señor dos exércitos,
Deus de Israel,
revelácheslle isto ao teu servo:
"Eu edificareiche unha casa".
Por iso atopou forza o teu servo
para dirixirche esta oración.
[28]Agora, Señor Iavé, ti que es Deus,
ti que tes palabras verdadeiras
e que lle fixeches ao teu servo este ben,
[29]dígnate, logo, bendicir
a familia do teu servo
e que permaneza por sempre
na túa presenza.
Xa que ti, meu Señor Iavé,
o prometiches,
que, pola túa bendición,
sexa bendita para sempre
a familia do teu servo.

### Guerras e conquistas

**8** [1]Despois diso David venceu aos filisteos e someteunos; e arrebatoulles Gat coas súas aldeas. [2]Venceu tamén a Moab e, deitándoos polo chan, mediunos co cordel. Dúas medidas destinábaas á morte e unha deixábaa con vida. Os moabitas quedaron sometidos á David pagándolle tributo. [3]David derrotou tamén a Hadadézer, fillo de Rehob, rei de Sobah, cando ía impor a súa man sobre o Éufrates. [4]David colleulle prisioneiros mil setecentos xinetes e vinte mil soldados de a pé. Baldou as patas dos cabalos dos carros, deixándolle soamente cen de todos os que tiña.

[5]Os arameos de Damasco acudiron en axuda de Hadadézer, rei de Sobah, e David matoulles vinte e dous mil homes. [6]David instalou postos en Aram de Damasco e os arameos quedáronlle sometidos pagándolle tributo. O Señor concedeulle éxito a David en todo o que emprendeu.

[7]Aos oficiais de Hadadézer quitoulles David os escudos de ouro e levounos a Xerusalén. [8]En Tabah e Berotai, cidades de Hadadézer, colleu o rei David bronce en moita cantidade.

[9]Cando Tohu, rei de Hamat, soubo que David derrotara o exército de Hadadézer, [10]mandou xunto a el ao seu fillo Adoram, para saudalo e felicitalo, por combater e vencer a Hadadézer, pois Tohu estaba tamén en guerra con Hadadézer. Adoram levoulle unha vaixela de ouro, de prata e de bronce, de regalo. [11]O rei David consagroulle iso ao Señor, como consagrara xa a prata e o ouro de todos os pobos que vencera, [12]arameos e moabitas, amonitas, filisteos e amalecitas, e mais o botín de Hadadézer, fillo de Rehob, rei de Sobah.

[13]David adquiriu unha grande sona. Á súa volta de Aram derrotou a Edom, no val do Sal, matándolle dezaoito mil homes. [14]Estableceu postos en Edom, que estaba todo sometido a David. O Señor concedeulle éxito a David en todo o que emprendeu.

### Os oficiais de David

[15]David foi rei de todo Israel e gobernou o seu pobo con xustiza e con equidade. [16]Ioab, fillo de Seruiah, era o xefe do exército; Ioxafat, fillo de Ahilud, era o cronista; [17]Sadoc, fillo de Ahitub, e mais Abiatar, fillo de Ahimélec, eran os sacerdotes; Seraías era o secretario [18]e Benaías, fillo de Iehoiadá, o xefe dos quereteos e dos peleteos. Os fillos de David eran sacerdotes.

**8** A actividade militar de David, creador dun pequeno imperio no centro de Canaán, concéntrase neste capítulo: un puño de datos que se agregan ao referido sobre a conquista da cidade de David, Xerusalén, e as dúas batallas cos filisteos (2 Sam **5**). Á parte dos filisteos están os moabitas e os edomitas de Transxordania e, polo norte, os arameos de Siria. Quedan os amonitas, gardados para máis adiante (2 Sam **10**-12).

**8**, 1 *Gat coas súas aldeas* (cf 1 Cro **18**, 1).

**8**, 3s O rei de Sobah tiña sometidos algúns dos reinos arameos e con eles fixo esa incursión cara ao lado do Éufrates. David atacoulle a retagarda.

**8**, 14 De vez en cando sae á luz o fondo teolóxico da historia.

**8**, 15-18 A lista de oficios é o dato que temos sobre a estrutura do reino de David. Outra lista en 2 Sam **20**, 23-25. Algúns dos cargos teñen correspondencia na corte exipcia. Ao lado de Abiatar, descendente dos sacerdotes de Nob (1 Sam **22**, 20-23), aparece aquí Sadoc, o fundador do sacerdocio sadoquita de Xerusalén. Era el mesmo o sacerdote iebuseo da cidade? Os fillos de David, aquí sacerdotes, non aparecen na lista de 2 Sam **20**, 26, onde aparece Iair, nin no paralelo de 1 Cro **18**, 17.

# V. A HISTORIA DA SUCESIÓN

### David e Meribaal

**9** [1]David preguntou: –Queda alguén da familia de Xaúl a quen eu poida favorecer por mor de Ionatán?

[2]Da casa de Xaúl había un criado que se chamaba Sibá. Mandárono vir onda David e o rei preguntoulle: –Es ti Sibá?

E el respondeulle: –Servidor.

[3]O rei seguiu: –Queda alguén da familia de Xaúl a quen eu lle poida mostrar a bondade de Deus?

Sibá respondeulle ao rei: –Queda un fillo de Ionatán, tolleito dos dous pés.

[4]O rei preguntoulle: –Onda está?

E Sibá díxolle: –Está en Lodabar, na casa de Maquir, fillo de Amiel.

[5]O rei David mandouno traer de Lodabar, de onda Maquir. [6]Chegado xunto a David, Mefibóxet, fillo de Ionatán, fillo de Xaúl, saudouno prostrado polo chan. David preguntoulle: –Es ti Mefibóxet?

E el respondeulle: –Servidor.

[7]David díxolle: –Non teñas medo. Quero favorecerte, por mor do teu pai Ionatán. Devolvereiche todas as terras do teu avó Xaúl e ti comerás sempre á miña mesa.

[8]Mefibóxet inclinouse e dixo: –Quen é este teu servo, para que lle deas atención a un can morto coma min?

[9]O rei chamou a Sibá, criado de Xaúl, e díxolle: –Todo o que pertencía a Xaúl e a súa familia quero que se lle dea ao fillo do teu amo. [10]Ti, os teus fillos e os teus criados traballarédeslle as terras ao fillo do teu amo, para que a súa casa teña pan. Pero Mefibóxet, o fillo do teu amo, comerá sempre á miña mesa.

Sibá tiña quince fillos e vinte escravos. [11]E díxolle ao rei: –O teu servo fará o que o rei, meu señor, dispoña.

[12]Mefibóxet tiña un fillo pequeno que se chamaba Micá. A familia de Sibá estaba toda ao servizo de Mefibóxet. [13]Este habitaba en Xerusalén porque comía á mesa do rei. Estaba coxo dos dous pés.

### Guerra cos amonitas

**10** [1]Despois diso morreu o rei dos amonitas e sucedeuno no trono o seu fillo Hanún. [2]David pensou entón: Voulle mostrar á Hanún, fillo de Nahax, a bondade que o seu pai mostrou comigo. E mandou David algúns serventes, que lle desen o pésame pola perda de seu pai.

Cando os serventes de David chegaron á terra dos amonitas, [3]os príncipes de Amón dixéronlle ao seu amo Hanún: –Pensas que o rei David che mandou condolencias, para que vexas que quere honrar a memoria do teu pai? Non che mandaría, máis ben, os seus serventes para exploraren e para saberen da cidade e destruíla?

[4]Hanún colleu entón aos mensaxeiros de David, afeitoulles a metade da barba, cortoulles a roupa ata as nádegas e despois despediunos. [5]Comunicáronllo á David, que mandou xente ao seu encontro, porque aqueles homes volvían avergonzados. O rei mandou que lles dixesen: –Quedade en Iericó e, cando vos medre a barba, volveredes.

[6]Cando viron os amonitas que se fixeran aborrecibles para David, decidiron adquirir soldados a soldo: vinte mil soldados de a pé, dos arameos de Bet Rehob e dos arameos de Sobah, vinte mil homes do rei de Macah e doce mil homes de Tob. [7]Sóuboo David e mandou alá a Ioab co exército dos seus valentes. [8]Os amonitas saíron e formaron para o combate á entrada da cidade, mentres os

**9** Aquí comeza a historia da sucesión, que acabará coa unción de Salomón, en 1 Re **1-2**. O historiador aclara primeiro que non será sucesor de David un descendente de Xaúl. Con Meribaal comendo á mesa do rei, os xaulidas quedaron desarmados. Queda só a revolta de Xeba (2 Sam **20**). Por camiños ben tortos, acabará por imporse aos outros pretendentes un dos fillos de David, Salomón, Iedidías, o querido de Iavé. Esta historia pódese dicir, por outro lado, que é a historia dos erros de David e das súas consecuencias.

**9**, 1 O comportamento de David co descendente de Xaúl obedece ao pacto sagrado entre David e Ionatán (1 Sam **18**, 1-4; **23**, 16s). Pero nel hai tamén unha medida de prudencia política.

**9**, 6 *Mefibóxet* designa a mesma persoa que Meribaal (cf 2 Sam **4**, 4 nota).

**9**, 9ss Mefibóxet e o seu criado Sibá volven aparecer coa ocasión da fuxida de David e do seu retorno a Xerusalén (2 Sam **16**, 1-4; **19**, 25-30).

**10** A guerra cos amonitas non entrara na lista das guerras de David do c. **8**. Agora sérvelle de marco á historia das relacións de David con Batxeba, de máis interese para o historiador. Con ese motivo temos máis datos desta campaña ca das outras. A historia de Batxeba contribúe á historia da sucesión de dúas maneiras, co factor do pecado de David e co fillo Salomón, que será o futuro rei. O tema abrangue 2 Sam **10-12**.

**10**, 1s Con *Nahax* xa estivera en guerra Xaúl, en defensa de Iabex de Galaad (1 Sam **11**).

**10**, 3 A cidade é Rabah, a capital do reino amonita (2 Sam **11**, 1).

**10**, 6 Eses arameos son os mesmos que vencera David, segundo 2 Sam **8**, 3-8.

**10**, 8ss O relato infórmanos da estratexia dos dous contendentes. Ioab pensa que os soldados terán a axuda de Deus cando eles mesmos fagan o que poidan.

arameos de Sobah e de Rehob e a xente de Tob e de Macah quedaba á parte no campo. [9]Decatouse Ioab de que tiña unha fronte de combate por diante e outra por detrás e entón colleu o mellor do exército de Israel e púxoo en liña de ataque, fronte aos arameos; [10]e dispuxo o resto do exército para facer fronte aos amonitas, ás ordes do seu irmán Abixai, [11]a quen advertiu: –Se os arameos prevalecen contra min, ti virás axudarme; e se os amonitas prevalecen contra ti, irei eu axudarte. [12]Sé valente e esforcémonos polo noso pobo e polas cidades do noso Deus. E que sexa o que o Señor queira.

[13]Ioab entrou co seu exército en combate contra os arameos, que fuxiron diante del. [14]Cando viron os amonitas que os arameos fuxían, fuxiron eles tamén de Abixai e metéronse na cidade. Ioab deu entón volta da expedición contra os amonitas e regresou a Xerusalén.

[15]Cando os arameos se viron derrotados, reuníronse todos en contra de Israel. [16]Hadadézer mandou saír os arameos da outra banda do río e chegaron a Helam, ao mando de Xobac, xeneral de Hadadézer. [17]Dixéronllo a David, que, ao momento, reuniu os israelitas, atravesou o Xordán e chegou a Helam. Os arameos dispuxéronse para encontrarse con David e abriron o combate contra el. [18]Aram fuxiu diante de Israel e David matoulle setecentos cabalos de carros e corenta mil xinetes; e feriu a Xobac, xeneral do exército, que morreu alí mesmo. [19]Cando viron os reis vasalos de Hadadézer que este fora vencido polos israelitas, fixeron a paz con Israel e sometéronselle. Desde esa os arameos non se atreveron a seguir axudando aos amonitas.

### David e Batxeba

**11** [1]Á volta dun ano, na época en que os reis saen á guerra, mandou David a Ioab, cos seus oficiais e co exército israelita, desbaratar o país dos amonitas e poñerlle cerco a Rabah. Mentres tanto David quedou en Xerusalén. [2]Unha tarde, ao erguerse do leito, púxose David a pasear pola terraza do pazo, e viu desde alí unha muller que se estaba bañando; unha muller, por certo, moi fermosa. [3]David mandou preguntar por ela e dixéronlle: –Esa muller é Batxeba, filla de Eliam, muller de Urías, o hitita. [4]David ordenou que lla trouxesen. Entrou a muller onda el e David deitouse con ela, cando ela se acababa de purificar da súa impureza menstrual. Despois ela volveu para a súa casa. [5]A muller quedou embarazada e mandoulle a dicir a David: "Estou embarazada".

[6]Entón mandoulle David este recado a Ioab: "Mándame a Urías, o hitita". E el mandoullo. [7]Cando Urías chegou, David preguntoulle pola saúde de Ioab, polo exército e pola marcha da guerra. [8]Despois David díxolle a Urías: –Baixa á túa casa e dáte un baño.

Urías saíu do palacio real e detrás del saíu o agasallo do rei. [9]Pero Urías deitouse á entrada do palacio, cos serventes do rei, e non baixou á súa casa. [10]Dixéronlle a David: –Urías non baixou á súa casa.

David díxolle entón: –Acabas de vir de viaxe. Por que non vas á túa casa?

[11]Urías respondeulle a David: –A Arca, Israel e Xudá viven en tendas, o meu xefe Ioab e os seus oficiais acampan ao raso, e ía entrar eu na miña casa, comer e beber e deitarme coa miña muller? Por ti e pola túa vida, que non farei semellante cousa.

[12]David díxolle a Urías: –Queda aínda hoxe e mañá despedireite.

E Urías quedou aquel día en Xerusalén. O día seguinte, [13]David convidouno a comer con el e deulle de beber para emborrachalo. Á noite saíu e deitouse onda a garda do seu señor, mais non baixou á súa casa. [14]Á mañá escribiulle David unha carta a Ioab e mandoulla en man por Urías. [15]Na carta escribía: "Poñede a Urías na dianteira, onde máis duro sexa o combate, arredádevos del, e que o firan e morra".

[16]Ioab, que estaba cercando a cidade, puxo a Urías no sitio onde sabía que estaban os homes máis valentes. [17]Saíron os defensores da cidade, combateron contra Ioab e caeron algúns dos soldados de David. Tamén morreu

**10**, 15s *Hadadézer* de Sobah cos seus vasalos, coma en 2 Sam **8**, 3s.

**11** A historia de Batxeba, no marco da segunda campaña de Ioab contra os amonitas, en Rabah. O narrador non fixo nada por tapar ou disimular o pecado do rei; ao contrario, dedicoulle toda a súa arte narrativa para presentalo clamando ao ceo.

**11**, 1 O tempo da guerra era a primavera.

**11**, 2-5 O adulterio de David está contado paso por paso, pero a toda présa. Fai ver que a muller quedou atrapada baixo da pena capital e o rei na deshonra da súa ociosidade.

**11**, 6-13 David non consegue unir a Urías, o fiel estranxeiro da garda real, coa súa muller na súa casa e dese xeito o adulterio non se pode esconder. Urías non vai onda a muller por aquilo da abstención sexual dos soldados en tempo de guerra santa (1 Sam **21**, 4).

**11**, 14ss Urías leva na carta a súa sentencia sen sabelo. A frialdade de Ioab non é menos arrepiante ca a do rei.

Urías, o hitita. [18]Ioab mandou que informasen a David da sorte do combate. [19]E díxolle ao mensaxeiro: –Cando acabes de darlle ao rei o parte do combate, [20]se el se alporiza e che di: "Por que vos acercastes tanto para atacar a cidade? Non sabiades que dispararían desde o alto da muralla? [21]Quen matou a Abimélec, fillo de Ierubaal? Unha muller que botou unha pedra de moer desde o alto do muro, morrendo el en Tebés. Por que vos achegastes á muralla?". Ti diraslle entón: "Morreu tamén o teu servo Urías, o hitita".

[22]Marchou o mensaxeiro, chegou xunto a David e comunicoulle a mensaxe de Ioab. [23]O mensaxeiro dixo: –Os inimigos saíron cara a nós ao descampado; eles estábannos vencendo, mais nós botámonos sobre eles cara á porta da entrada. [24]Entón tiraron os arqueiros desde a muralla contra os teus servos e mataron a algúns dos soldados do rei. Morreu tamén o teu servo Urías, o hitita.

[25]David díxolle ao mensaxeiro: –Dille isto a Ioab: "Non te aflixas polo que pasou. A espada devora ora para aquí ora para alí. Ti reforza o ataque contra a cidade para arrasala". E ti fai por encoraxalo.

[26]Cando soubo a muller de Urías que morrera o seu home, fixo loito por el. [27]Pasado o tempo do loito, David mandou que viñese á súa casa e tomouna por muller. Ela deulle un fillo. Pero a acción de David non compraceu ao Señor.

### Denuncia de Natán e penitencia de David

**12** [1]O Señor mandou a Natán onda a David. O profeta entrou xunto ao rei e díxolle: –Nunha cidade había dous homes, un rico e o outro pobre. [2]O rico tiña grandes rabaños de ovellas e de bois. [3]O pobre non tiña nada fóra dunha ovella que mercara. El criouna e ela ía crecendo, canda el e canda os seus fillos. Coidábaa coma a unha filla. [4]Chegou un viaxeiro onda o rico, quen sentindo botar man dunha peza da súa facenda para convidar ao viaxeiro que chegara xunto del, colleulle a ovella ao home pobre e guisoulla ao viaxeiro.

[5]David enfadouse moito con aquel home e díxolle a Natán: –Pola vida do Señor, quen fixo iso merece a morte. [6]Pagará catro veces a ovella, por ese comportamento sen piedade.

[7]Entón Natán díxolle a David: –Ti es ese home.

E isto di o Señor, Deus de Israel:
Eu unxinte por rei de Israel
e libreite das mans de Xaúl.
[8]Entregueiche a casa do teu señor
e puxen as súas mulleres nos teus brazos.
Fíxente dono de Israel e de Xudá
e, por se fose pouco,
deiche aínda outras cousas.
[9]Por que, logo, desprezas
a palabra do Señor,
facendo o que el reproba?
Mataches coa espada a Urías, o hitita,
para casares coa súa muller.
Matáchelo coa espada dos amonitas.
[10]Agora a espada
non se afastará da túa casa.
Visto que ti me desprezaches,
tomando para ti a muller
de Urías, o hitita,
[11]isto di o Señor:
Vou facer xurdir contra ti a desgraza
dentro da túa propia casa.
Quitareiche as mulleres
e dareillas a outro diante dos teus ollos,
el deitarase con elas,
á luz deste sol que nos aluma.
[12]O que fixeches ti ás escondidas,
fareino eu á luz do sol
e á vista de todo Israel.

[13]David díxolle a Natán: –Pequei contra o Señor!

E Natán díxolle: –O Señor perdoa o teu pecado e non morrerás. [14]Pero, por desprezares o Señor co que fixeches, o neno que che naceu ten que morrer.

### Nacemento de Salomón

[15]Despois Natán marchou para a súa casa. E o Señor feriu ao neno que a muller de Urías lle parira a David; púxose moi malo.

**11**, 27 O remate da historia é o casamento de David con Batxeba. Pero aí mesmo empeza o xuízo.
**12** O profeta Natán denuncia o que ninguén se atrevía a facer: o pecado do rei. Por castigo o profeta anúncialle desgrazas dentro da propia familia (v. 11). Serán o tema do resto da historia da sucesión. O rei confesa o seu pecado. Morre o neno nacido de Batxeba pero axiña nace Salomón. A conquista de Rabah conclúe este argumento.
**12**, 1-6 A parábola do rico e do pobre conduce a David a condenarse a si mesmo. Natán soamente tivo que dicir: ti es ese home.
**12**, 7-12 O oráculo recórdalle a David o que Deus fixera por el, bótalle o crime na cara e anúncialle desgrazas na familia.
**12**, 13 O dato do arrepentimento de David fixo pór á cabeza do Sal **51** un título histórico, que o fai ler á luz dese suceso. O salmo é unha boa expresión do sentir penitencial de David ou de calquera pecador arrepentido.
**12**, 15ss A penitencia do rei está tentando salvar o neno ameazado. O consolo non lle virá a David por ese neno, senón polo nacemento dun segundo fillo de Batxeba, Salomón, Iedidías, o querido de Iavé.

16David pediulle a Deus polo neno, fixo un
longo xaxún e pasaba as noites tirado polo
chan. 17Os anciáns da súa casa trataron de le-
vantalo, pero el negouse e non quixo comer
con eles. 18Aos sete días morreu o neno. Os
serventes tiñan medo de dicirlle a David que
o neno morrera, pois pensaban: Se cando o
neno vivía, lle falabamos e el non nos facía
caso, como lle imos dicir agora que o neno
morreu? Faría unha loucura. 19David deca-
touse de que os serventes andaban falando
polo baixo e comprendeu que o neno morre-
ra. E preguntoulles aos serventes: –Morreu
o neno?

E eles dixéronlle: –Morreu.

20David entón ergueuse do chan, lavouse,
perfumouse e mudouse, e logo foise prostrar
á casa do Señor. Despois volveu para o seu
palacio, pediu de comer, servírono e comeu.
21Os seus serventes preguntáronlle: –Que
quere dicir iso que fas? Cando o neno vivía,
xaxuabas e chorabas, e agora que o neno mo-
rreu, érgueste e comes.

22El respondeulles: –Mentres o neno vivía,
xaxuaba e choraba, pensando: Quen sabe se
o Señor me quererá facer a graza de que viva!
23Pero agora que xa morreu, de que serve o
xaxún? Podería devolvelo á vida? Son eu
quen vai cara a el e non el cara a min.

24David consolou a Batxeba, súa muller,
entrou onda ela e durmiu con ela. Ela pariulle
un fillo, a quen lle puxo por nome Salomón.
O Señor amouno 25e mandou polo profeta
Natán que lle chamasen Iedidías en home-
naxe ao Señor.

### Conquista de Rabah

26Nese tempo Ioab seguira co cerco de Ra-
bah dos amonitas ata acabar conquistando a
cidade real. 27Entón mandou mensaxeiros a
David para dicirlle: "Ataquei Rabah e recu-
perei a cidade das augas. 28Agora reúne o res-
to do exército, acampa ao redor da cidade e
apodérate ti dela, non sexa que, se o fago eu,
chamen logo á cidade co meu nome".

29David reuniu o resto do exército e foi a
Rabah, que atacou e conquistou. 30Quitoulle
da cabeza a Milcom unha coroa que pesaba
un talento de ouro e que tiña pedras pre-
ciosas; e púxoa na súa cabeza. O botín que
colleu na cidade foi moi grande. 31Sacou da
cidade os seus habitantes e púxoos a traballar
coa serra e con machados, con picos de ferro
e en fornos de ladrillos. Con todas as cidades
amonitas fixo o mesmo. Despois David vol-
veu con todo o exército para Xerusalén.

### Amnón e Tamar

**13** 1Ao tempo sucederon outras cousas.
Abxalom, fillo de David, tiña unha
irmá moi ben feita que se chamaba Tamar.
Dela namorouse Amnón, fillo de David. 2A
paixón de Amnón por Tamar, súa irmá, era
tan grande que o facía adoecer, pois, sendo
ela solteira, parecíalle imposible chegar con
ela a cousa ningunha. 3Amnón tiña un amigo
chamado Ionadab, fillo de Ximah, irmán de
David. Era un home moi arteiro. 4Pregun-
toulle a Amnón: –Por que, fillo de rei, estás
máis esmorecido cada día? Non mo queres
dicir?

Amnón respondeulle: –Estou namorado
de Tamar, irmá de meu irmán Abxalom.

5Díxolle Ionadab: –Métete na cama e fai
que estás doente. Cando o teu pai entre a ver-
te, ti diraslle: "Deixa que a miña irmá Tamar
veña para darme a comida; que a prepare
diante de min, que eu a vexa, e comerei da
súa man".

6Amnón meteuse na cama, facéndose o
doente. O rei foi visitalo e, coa mesma, Am-
nón pediulle: –Deixa que a miña irmá Tamar
veña onda min e prepare, á miña vista, un par
de bicas; quero comelas da súa man.

7David mandoulle recado á casa a Tamar:
–Chégate onda teu irmán Amnón e prepára-
lle algo de comer.

8Tamar foi á casa de seu irmán Amnón,
que estaba deitado. Colleu fariña, amasou-
na e diante del fixo unhas bicas e frixiunas.
9Logo sacounas da tixola e serviullas. Pero
el non quixo comer. E ordenou: –Que saian
todos para fóra.

E saíron todos de onda el. 10Amnón entón
díxolle a Tamar: –Tráeme ese xantar á alcoba
e dámo pola túa man.

Tamar colleu as bicas que fixera e levou-
llas á alcoba a seu irmán. 11Ao acercarllas
para que comera, Amnón agarrouna dicindo:
–Ven, irmá; déitate comigo.

**12**, 28 O rei poderalle chamar a Rabah cidade de David, só se é conquistada por el.

**13** A historia de Amnón e Tamar no conxunto da historia da sucesión fainos asistir á eliminación do primeiro dos pretendentes. O narrador atopou entretido o tema do namoramento de Amnón pola media irmá. Pero aproveitou as consecuencias para meter xa na escena a Abxalom, o máis dinámico protagonista da historia da sucesión. Tamar era media irmá de Amnón pero irmá, por pai e nai, de Abxalom.

**13**, 3ss *Ionadab* era curmán dos dous; acertou coa súa estrataxema.

12Pero ela díxolle: –Non, meu irmán; non
me obrigues. Iso non se fai en Israel; non co-
metas esa infamia. 13A onde iría eu coa miña
deshonra? E ti quedarías coma un desgracia-
do en Israel. Fala disto co rei. De seguro, non
se oporá a que eu sexa túa.
14Pero el non quixo escoitala. Agarrouna con forza e obrigouna a deitarse con el. 15Axiña Amnón sentiu noxo por ela, un aborrecemento maior aínda ca o amor que lle tivera. E mandoulle: –Érguete e vaite.
16Ela respondeulle: –Non. O mal que farías despedíndome sería maior ca o que xa me fixeches.
Pero el non lle fixo caso. 17Chamou polo criado que o servía e ordenoulle: –Botade fóra de aquí a esa muller e pechádelle a porta.
18Ela levaba posta unha túnica con mangas, pois así era como vestían as fillas solteiras do rei. O criado botouna fóra e pechoulle a porta. 19Tamar botou cinsa nos cabelos, rachou a túnica de mangas, levou as mans á cabeza e ía andando e berrando. 20Abxalom, seu irmán, preguntoulle: –Estivo contigo o teu irmán Amnón? Agora, irmá, cala; el é teu irmán. Non te atormentes por isto.
E Tamar, entristecida, quedou na casa de seu irmán Abxalom. 21Cando esas cousas chegaron a oídos de David, este anoxouse moito. 22Abxalom non falaba con Amnón, nin para ben nin para mal. Porque forzara a Tamar, súa irmá, colléralle xenreira.

### Morte de Amnón

23Ao cabo de dous anos, cando Abxalom facía en Baal Hasor de Efraím o tosquiado dos rabaños, convidou aos fillos do rei. 24Abxalom foi onda o rei e pediulle: –Velaí que o teu servo fai o tosquiado das ovellas. Rógolle ao rei que veña, cos seus serventes, á festa do seu servo.
O rei respondeulle a Abxalom: –Non, meu fillo. Non imos ir todos e serche unha carga.
25El insistiu, pero o rei non quixo ir e bendiciuno. 26Entón díxolle Abxalom: –Pois, polo menos, que veña connosco o meu irmán Amnón.
O rei respondeulle: –Para que queres que vaia contigo?
27Abxalom insistiu e o rei mandou con el Amnón e a todos os fillos do rei. Abxalom preparou un banquete, coma banquete de rei, 28e ordenoulles aos seus criados: –Cando vexades que o corazón de Amnón empeza a aledarse co viño e eu vos dea o sinal, feride a Amnón e matádeo. Non teñades medo. Non son eu quen volo manda? Forza! Mostrádevos valentes.
29Os criados fixeron con Amnón o que Abxalom lles mandara. Os outros fillos do rei erguéronse, montaron en cadansúa mula e fuxiron. 30Ían aínda de camiño, cando lle chegou a noticia a David: –Abxalom matou os fillos do rei sen deixar sequera un.
31O rei levantouse, rachou a súa roupa e botouse por terra, con todos os seus serventes ao seu lado, coa roupa rachada. 32Entón falou Ionadab, fillo de Ximah, irmán de David, e dixo: –Non pense o meu señor que morreron todos os fillos do rei; morreu soamente Amnón, segundo decidira Abxalom o día en que aquel forzou a Tamar, súa irmá. 33Polo tanto que o rei, meu señor, non se inquiete pensando que morreron os fillos todos do rei, cando morreu soamente Amnón.
34Daquela Abxalom fuxiu. A sentinela ergueu os ollos e viu que ía moita xente polo camiño de Horonaim pola aba da montaña. 35Entón Ionadab díxolle ao rei: –Aí chegan os fillos do rei. Foi como o teu servo che dixera.
36Cando rematou el de falar, entraron os fillos do rei chorando a berros. Tamén o rei e os seus serventes choraban con gran pranto. 37Abxalom fuxiu e foise acoller onda Talmai, fillo de Amihud, rei de Guexur. David gardou loito polo seu fillo Amnón todo ese tempo. 38Abxalom estivo tres anos fuxido en Guexur. 39David acabou consolándose da morte de Amnón e ensumíase por Abxalom.

### David perdoa a Abxalom

**14** 1Decatouse Ioab, fillo de Seruiah, de que o corazón do rei estaba con Abxalom 2e mandou a Tecóah que trouxesen de alí unha muller arteira, á que lle dixo: –Finxe que estás co dó, viste roupa de loito, non te unxas con óleo e fai coma se foses unha muller que

**13**, 13 Tamar suxire que, sendo só irmáns de pai, podían casar; ese é o caso de Abraham e Sara (Xén **20**, 12).
**13**, 14-19 Reflexo vivo do sentir das persoas e da acción.
**13**, 23ss Abxalom aproveita a festa do tosquiado para vingarse de Amnón. O relator conta sen présa. A maneira de lle chegar a noticia a David ten o seu dramatismo. A familia queda toda tocada polo feito.
**13**, 27b Seguindo o texto dos Setenta.
**13**, 37 *Talmai* era avó de Abxalom, pois era o pai de Macah, súa nai.
**14** Primeiro foi un profeta o que denunciou o pecado de David cunha parábola (2 Sam **12**). Agora é unha muller asisada, mandada por Ioab, a que, con outra parábola que pasa por ser o caso propio da muller, leva ao rei a dispor a volta do desterrado Abxalom, pois a parábola representaba o caso de David. O seguinte paso de Ioab é conseguir que o rei reciba ao seu fillo. E niso empezará a revolta de Abxalom.

leva loito hai tempo por un morto. [3]Presentaraste diante do rei e diraslle isto e isto.

E Ioab púxolle na boca o que había dicir. [4]A muller de Tecóah presentouse ao rei, prostrouse por terra diante del e exclamou: –Sálvame, rei!

[5]O rei preguntoulle: –Que che pasa?

E ela díxolle: –Eu son unha viúva; o meu home morreu. [6]A túa serva tiña dous fillos, que pelexaron no campo, sen ninguén que os separase, e un deles feriu ao outro e matouno. [7]Agora érguese toda a familia en contra da túa serva e dinme: "Entréganos o fratricida para matalo, para vingar a morte do irmán. Acabaremos tamén co herdeiro". Dese xeito apagarán a brasa que me queda, e ao meu home non lle deixarán nin nome nin resto sobre a terra.

[8]O rei díxolle á muller: –Vaite á túa casa, que eu disporei sobre este asunto.

[9]Entón a muller de Tecóah díxolle ao rei: –Rei, meu señor, que a culpa caia sobre min e sobre a miña familia, pero que queden limpos dela o rei e o seu trono.

[10]O rei dixo: –Se alguén se mete contigo, tráeo onda min e non volverá molestarte.

[11]Ela repuxo: –Que o rei pronuncie o nome do Señor, o seu Deus, para que o vingador do sangue non veña causar máis dano, exterminando o meu fillo.

E o rei xurou: –Pola vida do Señor, que non caerá por terra un cabelo de teu fillo.

[12]A muller dixo entón: –Permite que a túa serva lle diga aínda ao rei, meu señor, unha palabra.

[13]El dixo: –Fala.

E ela dixo: –Por que matinas desa maneira contra o pobo de Deus? Polo que acaba o rei de dicir resulta culpable, pois non deixa que volva o seu propio desterrado. [14]Todos habemos morrer. E como a auga derramada por terra non se pode recoller, dese mesmo xeito Deus non levanta un cadáver. Faga, logo, o rei o proxecto de que o proscrito non siga lonxe del. [15]Se eu vin aquí para dicirlle isto ao rei, meu señor, foi porque o pobo me deu medo. A túa serva pensou: Voulle falar disto ao rei; poida que el faga caso da súa serva. [16]Seguramente o rei escoitará e librará a súa serva das mans dos que queren exterminarnos, ao mesmo tempo, a min e ao meu fillo da herdade de Deus. [17]A túa serva pensou: A resposta do rei, meu señor, traerame conforto, pois o rei, meu señor, é coma o anxo de Deus, para distinguir entre o ben e o mal. Que o Señor, o teu Deus, sexa contigo.

[18]O rei entón díxolle á muller: –Non me ocultes cousa ningunha do que che vou preguntar.

E a muller respondeulle: –Fale o rei, meu señor.

[19]E o rei dixo: –Non anda a man de Ioab contigo en todo isto?

A muller respondeu: –Pola túa vida, rei, meu señor, que o que dixeches non marra nin á dereita nin á esquerda. O teu servo Ioab foi o que puxo estas palabras na boca da túa serva. [20]O teu servo Ioab fixo isto para disfrazar todo o asunto. Pero o rei, meu señor, é tan sabio coma o anxo de Deus para coñecer todo o que acontece sobre a terra.

[21]O rei díxolle a Ioab: –Vou dar o consentimento a esa proposta. Vai e trae de volta ao mozo Abxalom.

[22]Ioab prostrouse por terra, saudando, e deulle as grazas ao rei. Dixo Ioab: –Agora, rei, meu señor, sei que conto co teu favor pois o rei cumpre os desexos do seu servo.

[23]Ioab ergueuse e foi a Guexur e trouxo a Abxalom a Xerusalén. [24]O rei dispuxo: –Que se retire á súa casa e que non veña verme.

E Abxalom retirouse á súa casa sen presentarse diante do rei. [25]En todo Israel non había un home tan fermoso coma Abxalom nin tan gabado por todos. Desde os pés á cabeza non tiña un só defecto. [26]Cando rapaba o cabelo –cousa que facía de ano en ano pois pesáballe moito–, o peso dos seus cabelos era de douscentos siclos segundo a pesa real. [27]A Abxalom nacéranlle tres fillos e unha filla, que se chamaba Tamar, unha rapaza moi fermosa. [28]Abxalom residiu por dous anos en Xerusalén sen poder visitar o rei. [29]Abxalom mandoulle recado a Ioab para envialo onda o rei; pero Ioab non acudiu. Mandoulle un segundo recado, pero Ioab non se presentou. [30]Entón díxolles Abxalom aos seus criados: –Sabedes do eido que ten Ioab ao pé do meu, sementado de orxo. Ide e póndelle lume.

E os criados de Abxalom queimaron o eido de Ioab. [31]Entón foi Ioab onda Abxalom e preguntoulle: –Por que os teus criados lle puxeron lume ao meu eido?

[32]Abxalom respondeulle: –Sabes que te mandei chamar e dicirche que viñeses aquí

**14**, 11 A muller fai presión sobre o rei, para facerlle xurar o perdón para o fillo que matou ao irmán.
**14**, 14 Polo morto (Amnón), di a muller, xa non se pode facer nada; facelo, logo, polo vivo (Abxalom).
**14**, 18 O rei comprendeu a parábola e a súa intención.
**14**, 20 *O anxo de Deus* suponse que xulga e que o entende todo (v. 17).
**14**, 32s Abxalom, arredado do pazo, está coma preso na súa casa. Para realizar os seus proxectos, cómprelle a liberdade de movemento que o rei acaba concedéndolle.

para enviarte onda o rei coa encomenda: Para que vin de Guexur? Mellor sería quedar alí. Agora quero ver o rei. E se houbese en min culpa, que me faga matar.

[33]Ioab foi onda o rei para dicirllo. E o rei chamou a Abxalom. Abxalom chegou onda o rei e prostrouse por terra diante del e o rei abrazouno.

### Revolta de Abxalom

**15** [1]Despois diso Abxalom fíxose cun carro e cabalos e con cincuenta homes que o escoltaban. [2]Abxalom erguíase cedo e púñase á entrada da cidade. Dirixíase a todos os que ían ao tribunal do rei cun preito e preguntáballes: –Ti de que cidade es?

E el respondíalle: –O teu servo é dunha das tribos de Israel.

[3]Entón dicíalle Abxalom: –Mira, a túa causa é boa e xusta, pero de parte do rei non hai quen te atenda.

[4]Despois seguía dicindo: –Quen me dera ser eu o xuíz deste país! A todos os que viñesen onda min con preitos e con causas, faríalles pronto xustiza.

[5]E cando alguén se lle acercaba e o saudaba, el tendíalle a man, agarrábao e abrazábao. [6]Dese xeito era como trataba Abxalom aos israelitas que acudían ao tribunal do rei, gañándose, con iso, o corazón de todo Israel.

[7]Ao cabo de catro anos Abxalom díxolle ao rei: –Déixame chegar a Hebrón para cumprir unha promesa que lle fixen ao Señor. [8]Estando en Guexur de Aram, o teu servo fixo esta promesa: "Se o Señor me deixa volver a Xerusalén, ofrecereille un sacrificio en Hebrón".

[9]O rei díxolle: –Vai en paz.

E el colleu e foise a Hebrón. [10]Abxalom mandou mensaxeiros por todas as tribos de Israel con esta consigna: "Cando oiades o son da trompeta, proclamade: Abxalom reina en Hebrón!".

[11]De Xerusalén ían con Abxalom douscentos homes, convidados, pero de boa fe, alleos ao que se tramaba. [12]Mentres el ofrecía o sacrificio, Abxalom mandou buscar a Ahitófel, o guilonita, conselleiro de David, na súa cidade de Guiloh. A conxura collía forza. Cada vez eran máis os que seguían a Abxalom.

### Fuxida de David

[13]Chegou onda David un mensaxeiro que lle dixo: –O corazón dos israelitas vaise con Abxalom.

[14]Entón mandoulles David a todos os seus servidores, que estaban con el en Xerusalén: –Preparádevos e fuxamos; se non, non daremos escapado de Abxalom. Fuxamos de présa, que non se nos adiante. Se nos colle, estamos perdidos. Pasará a cidade polo fío da espada.

[15]Os servidores dixéronlle ao rei: –Os teus servidores están dispostos a facer o que diga o rei.

[16]Saíron, logo, a pé o rei e a súa familia, quedando dez concubinas á garda do palacio real. [17]Saíron todos a pé, o rei e toda a súa xente, e paráronse onda unha casa que había nas aforas. [18]Os servidores do rei puxéronse todos do seu lado; pero os quereteos, os peleteos e os gueteos, que viñeran con el de Gat en número de seiscentos, puxéronse diante do rei. [19]O rei preguntoulle a Itai de Gat: –Por que tes que vir connosco tamén ti? Dá a volta e queda co rei, pois ti es un estranxeiro, desterrado do teu país. [20]Chegaches onte, e voute obrigar xa hoxe a ir connosco, cando eu mesmo vou para onde cadre? Dá a volta e leva contigo os teus irmáns. E que o Señor mostre contigo o seu amor e a súa fidelidade.

[21]Pero Itai respondeulle ao rei: –Pola vida do Señor e pola do meu amo, o rei! Onde queira que estea o rei, meu señor, alí estará o teu servo, o mesmo para a morte que para a vida.

[22]Entón David díxolle a Itai: –Ven, logo, pasa.

Itai, o gueteo, pasou para diante, con todos os seus homes e con toda a súa familia.

[23]Toda a xente choraba a berros. O rei pasou o torrente Cedrón e pasaron todos con el, camiño do deserto. [24]Ía tamén Sadoc e con el

**15** Ao cabo de catro anos de xogar a ser rei, Abxalom fíxose proclamar rei de verdade. A David non lle quedou outro camiño máis ca o da fuxida ao desterro. Ía seguido da familia e dos que decidiron quedar con el. En Xerusalén deixou unha agarradoira nos sacerdotes Sadoc e Abiatar.

**15**, 1-6 Con eses xogos Abxalom está preparando o seu reinado, adiantándose a calquera outro pretendente, e disposto a quitarllo mesmo a seu pai. Abxalom traballa o terreo entre as tribos do norte, menos apegadas a David.

**15**, 7-12 En Hebrón as tribos do sur proclamaran un día rei a David (2 Sam **2**, 1-4). Pero fóraselles para Xerusalén, deixando quizais detrás de si un chisco de resentimento. Contaba con iso Abxalom? En todo caso os seus seguidores viñan de todas partes. Está con el o mesmo Ahitófel, o gran conselleiro de David (2 Sam **16**, 23).

**15**, 13-15 De fuxidas tiña David boa experiencia. Non perdeu tempo en pórse lonxe do territorio de Abxalom.

**15**, 16-22 A simplicidade do relato da fuxida, cos seus achegados ao arredor, non esconde o seu patetismo. *Itai* era un filisteo, fuxido da súa terra. Gardoulle fidelidade a David mesmo neses momentos.

**15**, 23-39 O retorno dos sacerdotes coa Arca a Xerusalén ten na historia dúas razóns: expresar a fe de David de que un día Deus o fará volver, e deixar unha agarradoira no seo mesmo da revolta.

todos os levitas. Levaban a Arca da Alianza do Señor e puxérona onda Abiatar, ata que acabou de saír da cidade a xente toda. [25]O rei mandoulle a Sadoc: –Devolve a Arca de Deus para a cidade. Se o Señor me dispensa o seu favor, fará que poida volver e permitirame ver a Arca e a súa morada. [26]Pero se El me di que non son do seu agrado, aquí me ten; que faga comigo o que lle pareza.

[27]E o rei díxolle ao sacerdote Sadoc: –Volvede tranquilos para a cidade, ti e o teu fillo Ahimaas, e Abiatar e o seu fillo Ionatán; vós e vosos dous fillos. [28]Vede, eu agardarei nos pasos do deserto, mentres me chega unha palabra vosa que me informe.

[29]Sadoc e Abiatar volveron coa Arca de Deus para Xerusalén e quedaron alí. [30]David subía chorando pola costa das Oliveiras, coa cabeza cuberta e os pés descalzos. Toda a súa xente cubrira a cabeza e subía tamén chorando. [31]Dixéronlle a David: –Ahitófel está na conxura de Abxalom.

E David pediu: –Atranca, Señor, o consello de Ahitófel.

[32]Cando David chegou ao cume da montaña onde se adoraba a Deus, saíulle ao encontro Huxai, o arquita, coa túnica rachada e coa cabeza cuberta de po. [33]David díxolle: –Se vés comigo, serás para min unha carga. [34]Pero, se volves á cidade e lle dis a Abxalom: "Rei, eu quero ser o teu servo. Primeiro fun servo de teu pai, pero agora quero ser teu", entón farás fracasar no meu proveito o consello de Ahitófel. [35]Alí tes contigo os sacerdotes Sadoc e Abiatar. Todo o que oias no pazo do rei, cóntallelo a Sadoc e a Abiatar. [36]Alí con eles están os seus dous fillos, Ahimaas de Sadoc e Ionatán de Abiatar. Por eles mandarédesme informes de todo o que oiades.

[37]Huxai, amigo de David, chegaba á cidade, cando Abxalom facía a súa entrada en Xerusalén.

### Sibá e Ximí

**16** [1]Acabara David de pasar o cume da montaña, cando se atoparon con Sibá, criado de Mefibóxet, que viña con dous burros arreados, cargados con douscentos pans, cen acios de uvas pasas, cen tortas de figos e un pelello de viño. [2]O rei preguntoulle a Sibá: –A que vés con esas cousas?

E Sibá respondeulle: –Os burros son para que monte a familia do rei, os pans e os figos son para que coman os criados, e o viño é para que beban os que desfalezan no deserto.

[3]O rei preguntoulle: –Onde está o fillo do teu amo?

Sibá respondeulle: –Quedou en Xerusalén, pensando: "Hoxe a casa de Israel devolverame o reino de meu pai".

[4]O rei díxolle a Sibá: –Todo o que tiña Mefibóxet é para ti.

E Sibá respondeulle: –Próstrome diante de ti. Oxalá, rei, meu señor, atope eu graza aos teus ollos.

[5]Chegado o rei David a Bahurim, saía de alí un da familia de Xaúl chamado Ximí, fillo de Guerá. Saía maldicindo [6]e tiráballes pedras a David e aos serventes do rei, mentres a xente toda e os valentes ían á súa dereita e á súa esquerda. [7]Nas súas maldicións dicía Ximí: –Vaite, vaite, home sanguinario e perverso. [8]O Señor fai caer enriba de ti o sangue da familia de Xaúl, a quen roubaches o trono; o Señor pon o reino nas mans de teu fillo Abxalom. Aí estás, caído na túa maldade, porque ti es un home sanguinario.

[9]Abixai, fillo de Seruiah, díxolle ao rei: –Por que permites que ese can morto maldiga ao rei, meu señor? Déixame que lle corte a cabeza.

[10]Pero o rei díxolle: –Que teño eu que ver convosco, fillos de Seruiah? Déixao que maldiga. Se o Señor lle dixo que maldiga a David, quen pode pedirlle contas de que o faga?

[11]David seguiulle dicindo a Abixai e a todos os seus serventes: –Se o meu propio fillo, saído das miñas entrañas, quere quitarme a vida, canto máis un benxaminita. Deixádeo que me maldiga; mandoullo, de certo, o Señor. [12]Quizais repare o Señor na miña aflición, e polas maldicións de hoxe me compense con bens.

[13]David seguiu o camiño cos seus homes, mentres Ximí os seguía de cerca, pola ladeira da montaña, andando e maldicindo, guindándolle pedras e levantando unha poeira. [14]David e a súa xente chegaron cansos onda a

**15**, 31 O rogo de David contra o consello de Ahitófel terá o seu cumprimento (**17**, 1ss).
**15**, 32-37 *Huxai*, cos dous sacerdotes, será o instrumento de David para embarullar os plans de Abxalom.
**16** O c. recolle algunhas anécdotas da fuxida de David.
**16**, 1-4 *Sibá*, o criado de Mefibóxet, levoulle a David provisións e unha grave acusación contra o seu amo, que o rei medio lle creu. Que outra cousa podía esperar neses momentos da familia de Xaúl? Mefibóxet, á súa hora, tratará de desmentir esa acusación (2 Sam **19**, 25-31).
**16**, 5-13 Os insultos de Ximí reflicten o punto de vista da familia de Xaúl respecto de David. O distanciamento de David fronte os fillos de Seruiah era xa coñecido (1 Sam **26**, 8-11; 2 Sam **3**, 39). David está resignado e encaixa os acontecementos.
**16**, 13-15 Vista das cousas do lado de Abxalom. Preséntanse os dous conselleiros, Huxai e Ahitófel.

auga e alí descansaron. [15]Ao tempo Abxalom e os seus israelitas chegaban a Xerusalén. Ahitófel acompañábao. [16]Entón Huxai, o arquita, amigo de David, presentouse a Abxalom e aclamouno: –Viva o rei, viva o rei!

[17]Abxalom preguntoulle: –É esa a lealdade que ti gardas ao teu amigo? Por que non fuches con el?

[18]Huxai respondeulle a Abxalom: –Non. Eu estarei con quen elixiu o Señor e todo este pobo de Israel e con ese quedarei. [19]Polo demais, a quen veño servir, senón ao seu mesmo fillo? O mesmo que servín a teu pai, así estou agora contigo.

[20]Abxalom díxolle a Ahitófel: –Celebrade consello sobre o que habemos facer.

[21]Ahitófel respondeulle: –Achégate as concubinas que teu pai deixou gardando o seu pazo. Dese xeito saberá todo Israel que te fixeches aborrecible para teu pai e sentiranse máis fortes os que te seguen.

[22]Levantáronlle unha tenda na terraza e Abxalom achegouse ás concubinas de seu pai, ás vistas de todo Israel. [23]Daquela o consello de Ahitófel tiña a mesma autoridade ca a consulta de Deus, e como tal era valorado, o mesmo por David coma por Abxalom.

### O consello de Ahitófel e o de Huxai

**17** [1]Ahitófel díxolle a Abxalom: –Vou escoller doce mil homes para saír esta mesma noite en persecución de David. [2]Sorprendereino canso e sen forzas e, co medo que lle meterei, toda a súa xente fuxirá e eu matarei ao rei abandonado. [3]Entón farei volver cara a ti o pobo todo, como a noiva que volve ao seu noivo. Porque ti buscas a morte dun só home e que o pobo quede en paz.

[4]A proposta pareceulle ben a Abxalom e a todos os anciáns de Israel. [5]Pero Abxalom dixo: –Chamade a Huxai, o arquita, e escoitemos tamén o que el propón.

[6]Chegou Huxai e díxolle Abxalom: –Ahitófel propuxo isto. Debémolo facer? E se non, cal é a túa proposta?

[7]Huxai respondeulle a Abxalom: –Desta vez non é bo o consello de Ahitófel. [8]E engadiu: –Ti coñeces a teu pai e aos seus homes. Son valentes e están rabiados, coma no monte a osa privada das súas crías. Ademais, teu pai é home de guerra e non pasará a noite mesturado coa tropa. [9]Arestora estará acochado nunha cova ou en calquera outro lugar. Se de primeiras caen algúns dos teus e se corre o rumor: houbo unha desfeita no exército de Abxalom, [10]entón, mesmo os valentes de corazón coma leóns, derreteranse de medo, pois todo Israel sabe que teu pai é un heroe e que leva consigo homes valentes. [11]O meu consello é este: que todo Israel, desde Dan a Beerxeba, se xunte ao teu arredor, numeroso coma a area das praias, e que ti en persoa vaias con eles. [12]Chegaremos onda teu pai, onda queira que se encontre, botarémonos enriba del, coma a rosada que cae sobre o chan e non lle quedará un só dos seus homes. [13]E se se acocha nunha cidade, acudirá con cordas todo Israel e arrastraremos esa cidade ao regato ata que dela non quede unha pedra.

[14]Abxalom e todos os israelitas dixeron: –A proposta de Huxai, o arquita, é mellor ca a de Ahitófel.

A cousa é que o Señor determinara facer fracasar o consello de Ahitófel, que era bo, para traer a desgraza a Abxalom. [15]Huxai informou aos sacerdotes Sadoc e Abiatar: –Ahitófel aconsellou a Abxalom e aos anciáns de Israel isto e isto; pero eu aconselleilles estoutro. [16]Agora mandádelle decontado este recado a David: "Non quedes esta noite nas chairas do deserto. Pasa para o outro lado, non vaian exterminar o rei con toda a súa xente".

### Abxalom persegue a David en Transxordania

[17]Ionatán e Ahimaas estaban agardando en Enróguel. Unha criada debía levarlle o recado e despois eles levaríanllo ao rei David. Eles non podían deixarse ver entrando na cidade. [18]Viunos un rapaz e díxollo a Abxalom. Pero eles saíron correndo e metéronse na casa dun home de Bahurim, que tiña no patio un pozo onde eles se esconderon. [19]A muller colleu unha manta, estendeuna sobre a boca do pozo e botou gran encima de xeito que ninguén notara nada. [20]Chegados os criados de Abxalom á casa, onda a muller, preguntáronlle: –Onde están Ahimaas e Ionatán?

E ela díxolles: –Pasaron cara ao río.

Eles buscáronos, pero non os atoparon, e volvéronse para Xerusalén. [21]Desque os criados marcharon, os outros saíron do pozo e correron a dicirlle a David: –Erguédevos e pasade o río axiña, pois Ahitófel propuxo isto en contra vosa.

**17** Huxai traballa por David, impondo o seu consello ao de Ahitófel. Gañou tempo para que David fuxise e chegase a Mahanáim.

**17**, 14 O comentario quere convencer de que é Deus quen dispón así as cousas. Responde ao rogo de David contra o consello de Ahitófel (2 Sam **15**, 31).

[22]David e a súa xente levantáronse e atravesaron o Xordán. Estiveron pasando ata ao amencer. A esa hora non quedaba xa ninguén sen pasar. [23]Vendo Ahitófel que non seguiran o seu consello, aparellou o burro e colleu e marchou para a casa na súa cidade. Puxo en orde a súa casa e despois aforcouse e morreu. Enterrárono no sartego de seus pais.

[24]Namentres David chegaba a Mahanaim, Abxalom atravesaba o Xordán con todos os homes de Israel. [25]Abxalom puxera a Amasá á fronte do exército no lugar de Ioab. Amasá era fillo dun tal Itrá, ismaelita, que o tivera de Abigail, filla de Nahax, irmá de Seruiah e nai de Ioab. [26]Abxalom acampou con Israel en terras de Galaad.

[27]Cando David chegou a Mahanaim, Xobí, fillo de Nahax, de Rabah de Amón, Maquir, fillo de Amiel de Lodabar, e Barzilai, o galaadita de Roguelim, [28]viñeron con xergóns, con xerras e con cuncas de barro, con trigo, fariña, orxo e gran torrado, con fabas e lentellas, [29]con mel, manteiga, queixo de ovella e de vaca, e presentáronlles todo a David e á súa xente, que comesen, pois pensaban: Esta xente está cansa e chea de fame e de sede do deserto.

### Desfeita e morte de Abxalom

**18** [1]David pasou revista aos seus homes, e púxolles xefes de milleiro e de centuria. [2]Un terzo do exército púxoo ao mando de Ioab, un terzo ao mando de Abixai, fillo de Seruiah, irmán de Ioab, e un terzo ao mando de Itai de Gat. O rei díxolles aos soldados: –Quero ir eu tamén convosco.

[3]Pero eles respondéronlle: –Ti non veñas. Pois, se tivésemos que fuxir, ninguén se fixaría; e se morrésemos a metade, tampouco tería importancia. Mais ti vales coma dez mil de nós. Mellor que nos socorras desde a cidade.

[4]O rei díxolles entón: –Farei o que vos pareza.

E o rei quedou onda a porta, mentres o exército saía por milleiros e por centurias. [5]E mandoulles a Ioab, a Abixai e a Itai: –Tédeme conta do mozo Abxalom.

Todo o exército oíu o que o rei mandou aos xefes, tocante a Abxalom. [6]O exército saíu ao campo ao encontro de Israel. O combate librouse nos bosques de Efraím. [7]Alí o exército de Israel foi derrotado polos seguidores de David. A mortaldade foi grande aquel día. Foi de vinte mil homes. [8]O combate estendeuse por toda aquela bisbarra. Aquel día o bosque devorou máis vidas ca a espada. [9]Abxalom pasou á vista dos homes de David. Ía montado no seu macho e ao pasar este debaixo dunha aciñeira enleáronselle nas gallas os cabelos da cabeza e quedou pendurado entre o ceo e a terra, mentres o macho seguía para adiante.

[10]Un home que o viu, levoulle a noticia a Ioab: –Acabo de ver a Abxalom pendurado dunha aciñeira.

[11]Ioab díxolle ao que lle traía a noticia: –E logo, se o viches, por que non o botaches por terra alí mesmo? Agora teríache que dar dez siclos de prata e un cinto.

[12]Pero o home díxolle a Ioab: –Nin que estivese xa pesando mil moedas de prata, non erguería eu as miñas mans contra o fillo do rei, pois todos oímos o que o rei vos mandou, a ti, a Abixai e a Itai: "Tédeme conta do mozo Abxalom". [13]Se eu cometese esa traizón pola miña conta, ti poríaste en contra miña, diante do rei, a quen nada se lle esconde.

[14]Entón dixo Ioab: –Non me vou quedar aquí detido diante de ti.

E, coa mesma, colleu tres dardos e cravoullos no corazón a Abxalom, que estaba aínda vivo, pendurado da aciñeira. [15]Os dez escudeiros de Ioab achegáronse a Abxalom, golpeárono e rematárono. [16]Ioab mandou que tocasen a trompeta e o exército deixou de perseguir a Israel, porque Ioab o contivo. [17]Logo colleron o corpo de Abxalom, botárono nun foxo do bosque e ergueron por riba del unha morea de pedras. Os israelitas fuxiron todos, cada un para a súa tenda. [18]Abxalom erixírase en vida un monumento no val do rei, pensando: "Non teño fillo que manteña vivo o meu nome". Gravou na estela o seu nome e aínda hoxe se lle chama monumento de Abxalom.

**17**, 21s O paso do río Xordán puxo a David a salvo.
**17**, 23 O suicidio de Ahitófel é tan sinistro coma a rebelión que inspirou; acabará con outra morte.
**17**, 27 David é ben acollido en Mahanaim, a que fora capital de Ixbóxet (2 Sam **2**, 8). David preparou alí o contraataque que venceu a Abxalom.
**18**, 1-**19**, 9 Do relato da batalla, coa morte de Abxalom, o historiador pasa deseguida a referir como a noticia lle chega a David e o pranto do pai polo fillo. Para David non foi ese un día de vitoria senón de desfeita. Ioab móstrase o duro xeneral, primeiro matando a Abxalom, en contra das ordes do rei, e despois obrigando a David a saudar aos soldados. Xa noutrora recoñeceu David que el fora feble diante dos duros fillos de Seruiah (2 Sam **3**, 39).
**18**, 5 En David xa se adianta a congoxa á dor de saber o fillo morto.
**18**, 6 Eran bosques de aciñeiras, na bisbarra de Galaad, ao norte de Transxordania.
**18**, 9 Os longos cabelos de Abxalom (2 Sam **14**, 26) déronlle ao narrador a imaxe da súa morte.
**18**, 18 Con esa estela non ten que ver o que se chama "monumento de Abxalom", no val do Cedrón, de época romana. O dato de que non tivo ningún fillo non concorda con 2 Sam **14**, 27.

**David chora polo seu fillo**

19 Entón Ahimaas, fillo de Sadoc, pediulle
a Ioab: –Déixame ir decontado xunto ao rei,
para levarlle a noticia de que o Señor lle fixo
xustiza ante os seus inimigos.
20 Ioab respondeulle: –Hoxe non levarías
boas novas: xa as levarás outro día. Hoxe
non levarías boas novas, porque morreu o
fillo do rei.
21 E Ioab díxolle a un cuxita: –Vai e anún-
cialle ao rei o que viches.
O cuxita saudou a Ioab e foi correndo.
22 Ahimaas, fillo de Sadoc, insistiulle a
Ioab: –Pase o que pase, déixame correr a min
tamén tras do cuxita.
Ioab díxolle: –Para que queres correr, meu
fillo? Esa nova non che sería de proveito.
23 Pero el dixo: –Pase o que pase, quero
correr.
E el díxolle: –Corre.
E Ahimaas saíu correndo e, atallando polo
medio do val, adiantóuselle ao cuxita. 24 David
estaba sentado entre as dúas portas. O vixía
subiu á terraza, por riba da porta da muralla,
mirou e viu que viña correndo un home só. 25 O
vixía berrou e pasoulle a noticia ao rei. O rei
comentou: –Se vén só, é que trae boas noticias.
O home seguía acercándose 26 e o vixía viu
outro home correndo, e berrou desde enriba
da porta: –Vén outro home correndo só.
E o rei comentou: –Tamén este trae boas
noticias.
27 O vixía engadiu: –Pola maneira de co-
rrer, o primeiro corredor peréceseme a Ahi-
maas, o fillo de Sadoc.
E o rei comentou: –Ese é unha boa persoa.
Virá con boas noticias.
28 Entón Ahimaas berroulle ao rei: –Paz.
E saudouno prostrándose polo chan. E dixo:
–Bendito sexa o Señor, teu Deus, que che en-
tregou os homes que ergueron a man contra
o rei, meu señor.
29 E o rei preguntoulle: –Está ben o mozo
Abxalom?
Ahimaas respondeulle: –Cando Ioab en-
viou ao teu servo, vin que había un gran ba-
rullo; pero non sei o que pasou.
30 O rei díxolle: –Arreda e queda aí.
E el arredouse e quedou alí.
31 Niso entrou o cuxita e dixo: –En hora
boa, rei, meu señor, porque o Señor deuche
hoxe a vitoria sobre todos os que se ergueron
contra ti.
32 O rei preguntoulle ao cuxita: –Está ben o
mozo Abxalom?
E o cuxita respondeulle: –Que aos inimi-
gos do rei e a todos os que se rebelaron con-
tra ti lles pase coma a ese mozo.

**19** 1 O rei conturbouse, subiu ao miradoiro
de por riba da porta e botouse a cho-
rar. Mentres subía, ía dicindo: –Ai, meu fi-
llo; meu fillo, Abxalom; meu fillo Abxalom!
Quen me dera poder morrer eu no teu lugar,
Abxalom, meu fillo, meu filliño!
2 Informaron a Ioab: –O rei está chorando,
facendo dó por Abxalom.
3 A vitoria daquel día converteuse en loito
para o exército, pois este soamente oía dicir:
O rei está aflixido polo seu fillo. 4 O exérci-
to entrou aquel día ás escondidas na cidade,
como entraría avergonzado un exército que
fuxise do combate. 5 O rei cubría a cara e
choraba a berros: –Meu fillo, Abxalom; meu
fillo, Abxalom; meu filliño!
6 Ioab chegouse ao pazo e díxolle ao rei:
–Hoxe cubriches de vergonza a cara dos teus
servidores, que salvaron a túa vida, a dos
teus fillos e fillas, a das túas mulleres e a das
túas concubinas. 7 Ti queres aos que te abo-
rrecen e aborreces aos que te queren. Hoxe
deches a entender que nada se che dá nin por
xefes nin por soldados. Hoxe comprendín
que, se vivise Abxalom, mesmo se estivése-
mos mortos todos nós, estarías ti contento.
8 Agora érguete e vai falarlles ao corazón aos
teus serventes, pois xúroche polo Señor que,
se non vas, esta noite non quedará ninguén
contigo; e este será para ti máis grande mal
ca todos os que padeciches desde a mocida-
de ata hoxe.
9 O rei foi e sentou onda a porta. E toda a
súa xente veuse presentar diante del.

**Volta de David a Xerusalén**

Os israelitas fuxiron para cadansúa ten-
da. 10 E por todas as tribos de Israel a xente
discutía e dicían: –O rei librounos da man
dos nosos inimigos, salvounos da man dos
Os soldados dan as grazas pola vitoria, mentres o pai pre-
gunta polo fillo.

**18**, 19ss A lentitude coa que a noticia lle chega a David, dá tempo para preguntarse cal será a sorte do portador e para darse conta da ansiedade que o pai padece polo fillo.
**18**, 21 *Cuxita* un escravo etíope, ao que se lle encomen-dan misións de mal agoiro.
**18**, 25 Se houbese malas noticias, viría a xente fuxindo á desbandada.
**18**, 28s A forza do relato está na ambigüidade que pre-sentan os mesmos feitos, dependendo do punto de vista.
**19**, 1-9 A dor de David óese máis, porque todo está cala-do. Ioab bótalle na cara ao rei o seu desprezo por todos os demais. David acaba repóndose.
**19**, 10ss A volta de David aclara posicións, o mesmo que a fuxida. Varios dos personaxes acompáñano nos dous momentos. David mide os pasos que dá, asegurándose das súas forzas.

filisteos. E agora tivo que fuxir do país por culpa de Abxalom. [11]Pero Abxalom, a quen nós unximos por rei, morreu no combate. Así que, por que estades aí calados e non facedes que volva o rei?

[12]As palabras que se dicían por todo Israel chegaron á casa do rei. E o rei David mandou aos sacerdotes Sadoc e Abiatar: –Faládelles aos anciáns de Xudá e dicídelles: "Por que habedes de ser os derradeiros en facer que o rei volva ao seu pazo? [13]Vos sodes os meus irmáns; sodes comigo óso e carne. Por que habedes de ser os derradeiros en facer que o rei volva?".

[14]E a Amasá díxolle: –Non es ti comigo óso e carne? Que Deus me castigue, se non te fago xefe do exército por vida no posto de Ioab.

[15]David gañou o corazón de todos os homes de Xudá coma o dun só home; e mandáronlle dicir: –Volve, ti e os teus servidores.

[16]O rei emprendeu o regreso e chegou onda o Xordán. Os de Xudá chegaron a Guilgal, para saírlle ao encontro ao rei e acompañalo no paso do Xordán. [17]Ximí, fillo de Guerá, benxaminita de Bahurim, apurouse para baixar cos homes de Xudá ao encontro de David, [18]levando consigo mil homes da tribo de Benxamín. Pola súa parte, Sibá, criado da familia de Xaúl, levando consigo os seus quince fillos e vinte dos seus criados, chegou ao Xordán antes ca o rei, [19]e atravesou o vao, para axudar a pasar á familia do rei e para pórse á súa disposición. [20]Ximí, fillo de Guerá, prostrouse diante do rei cando este pasaba o Xordán e díxolle: –Non teñas, señor, en conta o meu delito; non recordes aquel mal feito do teu servo, o día en que o rei, meu señor, saía de Xerusalén; non mo teñas gardado. [21]O teu servo confesa que pecou. Pero hoxe son o primeiro de toda a familia de Xosé en virlle saír ao rei, meu señor.

[22]Abixai, fillo de Seruiah, tomou a palabra para dicir: –Vaise agora librar Ximí da morte, despois de que maldiciu ao unxido do Señor?

[23]Mais David dixo: –Que teño que ver eu convosco, fillos de Seruiah, para que hoxe fagades de tentadores? Ten que morrer alguén hoxe en Israel, cando eu volvo a ser rei de Israel?

[24]E o rei díxolle a Ximí: –Non morrerás.

E o rei xuroullo. [25]Tamén Mefibóxet, fillo de Xaúl, baixou ao encontro do rei. Non lavara os pés, nin afeitara a barba, nin mudara a roupa, desde o día da marcha do rei ata a súa volta con ben. [26]Chegado desde Xerusalén onda o rei, o rei preguntoulle: –Por que non fuches comigo, Mefibóxet?

[27]El respondeulle: –Rei, meu señor, o meu criado traizooume, pois o teu servo decidira: Farei que me aparellen o burro, montarei nel e irei co rei, porque o teu servo está coxo. [28]O meu criado calumnioume diante do rei, meu señor. Pero o rei, meu señor, é coma o anxo de Deus. Fai, logo o que che pareza. [29]Todos os da familia de meu pai eran reos de morte ante o rei, meu señor. Pero ti puxeches a este teu servo entre os que comen á túa mesa. Xa que logo, que dereito me queda por reclamar diante do rei?

[30]O rei díxolle: –Por que segues falando sen parar? Xa o dixen: Ti e Sibá repartirédesvos as terras.

[31]Mefibóxet respondeulle ao rei: –Pode quedar el con todo, xa que o rei, meu señor, volveu san e salvo á súa casa.

[32]Tamén Barzilai o galaadita baixou desde Roguelim para acompañar ao rei no paso do Xordán. [33]Barzilai era xa vello, tiña oitenta anos. El mantivera ao rei, no tempo que estivo en Mahanaim, pois era home de boa posición. [34]O rei díxolle a Barzilai: –Ti véste agora comigo; eu mantereite en Xerusalén.

[35]Barzilai díxolle ao rei: –Cantos anos me quedan de vida para subir agora co rei a Xerusalén? [36]Xa cumprín os oitenta anos. Podo discernir aínda entre o ben e o mal? Pode o teu servo gozar do que come e do que bebe? Podo escoitar a voz dos cantores e das cantoras? Por que ha ser o teu servo unha carga para o rei, meu señor? [37]O teu servo acompañou ao rei unha miga alén do Xordán. Por que ía agora darme unha recompensa tan grande? [38]Deixa que o teu servo volva, para morrer na súa cidade, cerca do sepulcro de seu pai e de súa nai. Aí tes o teu servo Quimham. Que vaia el co rei, meu señor; e ti trátao como che pareza.

**19**, 10s Os israelitas do norte reflexionan, coma cando lle pediron a David que reinase sobre eles (2 Sam **5**, 1-3).

**19**, 12-15 David perdoa ao pobo de Xudá que fora co seu fillo e tamén a Amasá, xeneral de Abxalom, quizais para poder librarse do duro poder de Ioab. Xudá é para David máis seguro ca Israel.

**19**, 16 Todos baixan ata o Xordán para expresar a súa lealdade ao rei que volve. Os primeiros son os benxaminitas Ximí e Sibá, que son escoitados por David, mesmo se aquel o insultara na súa fuxida (2 Sam **16**, 1-4). David non lle fai caso tampouco agora a Abixai, que recomenda a vinganza.

**19**, 25ss Tamén Mefibóxet quere xustificarse con David, desmentindo as calumnias de Sibá. David resolve a situación un pouco ao chou.

**19**, 32ss Barzilai declina a invitación que o rei lle facía, quizais para pagarlle a súa axuda (2 Sam **17**, 27-29), e recoméndalle o seu fillo Quimham (cf v. 38).

39O rei respondeulle: –Que veña, logo, Quimham. Tratareino como ti queiras. E calquera cousa que me pidas, eu fareina por ti.
40A xente de David pasou toda o Xordán. Tamén o pasou o rei. Alí abrazou a Barzilai e bendiciuno e Barzilai volveuse para a súa casa. 41O rei seguiu para Guilgal e con el ía Quimham. Acompañaba ao rei todo o pobo de Xudá e a metade do pobo de Israel. 42Os homes de Israel fóronlle dicir ao rei: –Por que te reteñen para si nosos irmáns, os homes de Xudá, e foron eles os que axudaron ao rei, á súa familia e á toda a súa xente a pasar o Xordán?
43Os homes de Xudá respondéronlles aos de Israel: –Porque o rei é parente noso. Por que vos parece mal? Vivimos á conta do rei ou tiramos proveito del?
44Os homes de Israel respondéronlles aos de Xudá: –Nós temos dez partes do rei e somos para el máis ca vós. Por que, logo, nos despreza? Non fomos nós os primeiros en facer volver ao noso rei?
Pero a resposta dos homes de Xudá foi máis áspera aínda ca a dos homes de Israel.

### Revolta de Xeba

**20** 1Por un casual estaba alí un home perverso, que se chamaba Xeba, fillo de Bicrí, un benxaminita. Este tocou a trompeta dicindo:

Nós non temos parte con David
nin temos herdo co fillo de Ixaí.
Cada un para a súa tenda, Israel!

2Os homes de Israel abandonaron a David e seguiron a Xeba, fillo de Bicrí; pero os homes de Xudá seguiron co seu rei desde o Xordán cara a Xerusalén. 3En Xerusalén David entrou no seu pazo e ás dez concubinas que deixara alí, ao seu coidado, meteunas no harén. O rei mantíñaas, mais non se achegou a elas. Estiveron alí encerradas ata a morte, vivindo coma viúvas.
4O rei ordenoulle a Amasá: –Convócame en tres días os homes de Xudá e ti preséntate tamén.
5Amasá marchou e convocou os homes de Xudá, pero tardou máis tempo do marcado. 6David díxolle entón a Abixai: –Agora Xeba, fillo de Bicrí, vainos facer máis dano ca Abxalom. Colle os homes do teu señor e vaite detrás del, non encontre unha cidade fortificada e escape.
7Con Abixai saíron os homes de Ioab, os quereteos, os peleteos e todos os valentes; abandonaron Xerusalén na persecución de Xeba, fillo de Bicrí. 8Cando chegaron xunto á pedra grande que hai en Gabaón, apareceu Amasá diante deles. Ioab ía vestido co uniforme e por riba levaba unha espada enfundada, cinguida ao costado. A espada saíuselle e caeu. 9Ioab preguntoulle a Amasá: –Como estás, meu irmán?
Ao tempo coa súa dereita collíao da barba para bicalo. 10Amasá non reparou na espada que levaba Ioab na outra man. Ioab feriuno con ela no ventre e saíronselle as entrañas. Sen necesidade doutro golpe, Amasá morreu. Despois Ioab e Abixai, o seu irmán, seguiron perseguindo a Xeba, fillo de Bicrí. 11Un home dos de Ioab púxose onda Amasá e dicía: –Os que estean por Ioab e os que son de David, que sigan a Ioab.
12Amasá xacía nun baño de sangue no medio do camiño. Vendo o home que todos os que pasaban se detiñan, botou o cadáver de Amasá para fóra do camiño, en vista de que os que pasaban, se detiñan diante del. 13Xa retirado o cadáver do camiño, todos seguiron a Ioab na persecución de Xeba, fillo de Bicrí. 14Xeba pasou por todas as tribos de Israel ata Abel Bet Macah. Xuntáronselle os bicritas, que entraron alí detrás del. 15Chegaron os de Ioab e puxeron cerco a Abel Bet Macah. Ergueron contra a cidade un terraplén que chegaba ao muro. Os soldados de Ioab escavaban para botaren abaixo as murallas.
16Unha muller asisada berrou desde a cidade: –Escoitade! Escoitade! Dicídelle a Ioab que se achegue aquí, que lle quero falar.
17Acercouse Ioab e a muller preguntoulle: –Es ti Ioab?

**19**, 42-44 Israel e Xudá acaban discutindo sobre quen debe ter diante do rei a primacía. É un sinal das tensións dentro do reino.
**20** A volta de David trouxo detrás a revolta de Xeba. A sombra dos descendentes de Xaúl e dos benxaminitas acompañará sempre a David; agora preséntase aquí coma un estoupido. Engádeselle a nota de conflito entre o norte e o sur, coa que remata o c. anterior.
**20**, 1 Ese mesmo berro decidirá un día a final escisión entre o norte e o sur (1 Re **12**, 16).
**20**, 3 Ese trato de David ás súas concubinas débese á violación do harén real por Abxalom (2 Sam **16**, 21s).
**20**, 4ss David cumpre dese xeito con Amasá a quen llo prometera (2 Sam **19**, 13). Pero, como medida para quitarlle poder a Ioab, non vai dar resultado.
**20**, 11-13 Ioab seguirá sendo ata á fin o xeneral de David.
**20**, 14 *Abel Bet Macah*, cidade fortificada, na bisbarra de Dan, con aldeas que lle pertencen e que fan dela "cidade nai" en Israel.
**20**, 16ss A muller asisada representa á cidade. Esta é coñecida pola arte de resolver as contendas sen dano.

E el dixo: –Son.
E ela: –Escoita as palabras da túa serva.
E el dixo: –Escoito.
18Entón díxolle ela: –Os anciáns dicían: Que pregunten en Abel e con iso acabáronse as contendas. 19Nós somos unha das cidades máis pacíficas e fieis de Israel e a unha cidade que é nai en Israel ti tentas traer a morte. Por que queres estragar a herdade do Señor?
20Ioab respondeulle: –Deus me libre de estragala e de destruíla. 21Non se trata diso, senón dun home da montaña de Efraím chamado Xeba, fillo de Bicrí, que ergueu a súa man contra o rei, contra David. Entregádeo a el e arredareime da cidade.

A muller díxolle a Ioab: –Agora mesmo che botamos a súa cabeza por riba da muralla.
22A muller convenceu ao pobo coa súa sabedoría. Cortáronlle a cabeza a Xeba, fillo de Bicrí, e botáronlla a Ioab. Ioab tocou a trompeta, e, afastándose da cidade, volveu cada un para a súa tenda. Ioab volveu a Xerusalén onda o rei. 23Ioab era o xefe do exército de Israel; Benaías, fillo de Iehoiadá, mandaba nos quereteos e peleteos; 24Adoniram levaba o recrutamento de traballadores; Ioxafat, fillo de Ahilud, era o secretario; 25Xeiá era o cronista; Sadoc e Abiatar, os sacerdotes. 26Tamén Irá, de Iair, era sacerdote de David.

## VI. ANEXOS

### Os gabaonitas e os fillos de Xaúl

**21** 1No tempo de David houbo unha fame de tres anos seguidos. David consultou o Señor e o Señor respondeulle: –Enriba de Xaúl e da súa familia está o sangue dos gabaonitas que mataron.
2O rei convocou entón os gabaonitas e faloulles. Os gabaonitas non eran israelitas, senón un resto dos amorreos. Os israelitas fixeran pacto con eles, pero Xaúl quixera exterminalos no seu celo por Israel e por Xudá.
3David díxolles aos gabaonitas: –Que podo facer por vós e con que podo reparar, para que bendigades a herdade do Señor?
4Os gabaonitas respondéronlle: –Non queremos prata nin ouro de Xaúl nin da súa familia nin queremos que ninguén morra en Israel.
E o rei díxolles: –Farei por vós o que me pidades.
5Os gabaonitas dixéronlle ao rei: –Un home quixo exterminarnos, acabar connosco e facernos desaparecer da terra de Israel. 6Que nos entreguen sete dos seus fillos para colgalos diante do Señor, en Gabaón, na montaña do Señor.
David respondeulle: –Daréivolos eu.
7O rei perdooulle a vida a Mefibóxet, fillo de Ionatán, fillo de Xaúl, por mor do pacto que se xuraran David e Ionatán, fillo de Xaúl.
8Pero o rei colleu a Armoní e a Mefibóxet, os dous fillos que Rispah, filla de Aiah, lle dera a Xaúl, e os cinco fillos que Merab, filla de Xaúl, lle parira a Adriel, fillo de Barzilai, o meholatita, 9e entregóullelos aos gabaonitas, que os penduraron no monte diante do Señor. Caeron os sete ao mesmo tempo, axustizados nos primeiros días da seitura, ao comezo da sega do orxo. 10Rispah, filla de Aiah, colleu un saco, estendeuno por riba da rocha e estivo alí desde o comezo da seitura ata que caeron as chuvias nos cadáveres, para impedir que se achegasen a eles de día os paxaros do ceo e de noite as feras do campo. 11Cando lle contaron a David o que fixera Rispah, filla de Aiah, concubina de Xaúl, 12mandou el coller os ósos de Xaúl e os do seu fillo Ionatán de onda os veciños de Iabex de Galaad, que os levaran da praza de Bet-Xeán. Alí penduráranos os filisteos o día en que estes derrotaran a Xaúl en Guilboa. 13O rei fixo vir de alí os ósos de Xaúl e os do seu fillo Ionatán e xuntáronos cos ósos dos axustizados. 14Enterraron os ósos de Xaúl e os do seu fillo Ionatán en terras de Benxamín, en Selá, no sepulcro de Quix, pai de Xaúl. Fixeron todo o que o rei mandou e despois diso compadeceuse Deus da terra.

**20**, 23ss 2 Sam **8**, 16-18.
**21** A sección dos "anexos" (2 Sam **21-24**) comeza co tema da vinganza dos gabaonitas contra os descendentes de Xaúl. Os gabaonitas eran cananeos que tiñan pacto con Israel (Xos **9**). Xaúl tratounos do xeito que os incitou a maldicir a Israel. A maldición estase cumprindo e erguerase cando os gabaonitas tomen vinganza do sangue.
**21**, 3 A bendición dos gabaonitas acabaría con esa seca, que se atribúe á súa maldición.
**21**, 6 O mal que fixera Xaúl, e do que non temos noticia, recae sobre os seus descendentes.
**21**, 7 Entre os descendentes de Xaúl, David non deixa que os gabaonitas maten o fillo de Ionatán.
**21**, 10 Rispah gardou os cadáveres desde a primavera ao outono, cando a primeira choiva mostrou que a maldición se retirara. Entón David mandounos levantar.
**21**, 12 Cf 1 Sam **31**, 11-13.

### Fazañas de David e dos seus homes

15Despois volveu haber guerra entre os filisteos e Israel. David baixou cos seus servidores e loitou contra os filisteos. David quedou canso diso 16e asentáronse en Gob.

Un home dos refaítas, cunha lanza de bronce de trescentos siclos de peso e cunha espada nova, dicía que ía matar a David. 17Pero Abixai, fillo de Seruiah, defendeu a David. Feriu ao filisteo e matouno. Entón conxuráronse os homes de David e dixéronlle: –Ti non sairás máis connosco ao combate e que non se apague o facho de Israel.

18Despois houbo outro combate en Gob cos filisteos. Nel Sibcai de Huxah matou a Saf, un refaíta. 19Noutro combate en Gob cos filisteos, Elhanán, fillo de Iair, o betlemita, matou a Goliat de Gat. Este levaba unha lanza coma un rolo de tecelán. 20Noutra batalla en Gat presentouse un home de gran talla, con seis dedos en cada man e seis en cada pé, vinte e catro en total, tamén el era dos refaítas. 21Desafiou a Israel, pero matouno Ionatán, fillo de Ximá, irmán de David. 22Eses catro homes da raza dos refaítas eran de Gat e caeron a mans de David e dos seus homes.

### Salmo real

**22** 1O día en que o Señor o librou do poder dos seus inimigos e das mans de Xaúl, David entooulle este cántico ao Señor:

2Señor, miña rocha,
meu castro e meu refuxio;
3meu Deus, penedo onde me acollo,
meu escudo, meu salvador, meu tobo,
meu agocho, que me libras da violencia.
4Eu invoco o Señor, o adorable,
e dos meus inimigos serei salvo.
5Cando as ondas da morte me rodean
e as correntes do averno me atropelan;
6cando me cinguen as cordas do abismo
e os lazos da morte me sorprenden,
7na congoxa invoco o Señor
e chamo polo meu Deus,
e El escoita a miña voz
desde o seu santuario,
o meu clamor chega aos seus oídos.
8A terra conmóvese e treme,
os fundamentos do ceo estremecen,
tremen por mor da túa ira.
9Do seu nariz sobe o fume,
de todo el carbóns acesos.
10Abaixa os ceos e descende
con mestas nubes debaixo dos seus pés.
11A cabalo dun querubín voa
subido nas ás do vento.
12Das tebras fai a súa tenda,
envolto en escuras augas e en néboa mesta.
13Co relampo da súa presenza
acéndense chispas de lume.
14O Señor trona desde o ceo,
o Altísimo fai resoar a súa voz.
15Dispara as súas frechas e dispérsaos,
cos seus lóstregos entoléceos.
16O leito do mar queda á vista,
os alicerces do mundo ao descuberto,
diante da ameaza do Señor,
polo bafo da súa ira.
17Desde o ceo alonga el a man para collerme,
para tirarme das augas caudalosas.
18Líbrame de inimigos poderosos,
de adversarios máis fortes ca min.
19O día da miña desgraza eles atácanme,
pero o Señor é o meu amparo,
20quen me saca a campo aberto
e me salva, porque me ama.
21O Señor retribúeme,
segundo a miña rectitude
e conforme a pureza das miñas mans.
22Eu gardo, certamente,
os camiños do Señor
e non son rebelde ao meu Deus.
23Teño as súas decisións sempre presentes
e non me arredo dos seus preceptos.
24Son sincero diante del
e gárdome do pecado.
25O Señor retribúeme
segundo a miña rectitude
e conforme a miña pureza aos seus ollos.
26Co piadoso móstraste piadoso
e co enteiro es ti enteiro.
27Co puro móstraste puro
e co renarte es ti retorto.
28Ti salvas a xente humilde
e abaixas os soberbios.

**21**, 15-22 O segundo anexo recolle algunhas fazañas de David e dos seus heroes. Mesmo se está aquí fóra de sitio, completa a imaxe das guerras de David cos filisteos (2 Sam **5**, 17-25). Tamén son bo testemuño da fidelidade dos homes de David.
**21**, 19 Se Goliat morreu a mans de Elhanán, o que matou David segundo 1 Sam **17**, tivo que ser outro "filisteo".
**22** Este canto de acción de grazas na boca de David coincide co Sal **18** do salterio. Son moi pequenas variantes textuais as que separan as dúas versións. A estrutura do canto é moi libre. Constrúese en dúas partes: vv. 2-30 a primeira, e vv. 31-51 a segunda. No conxunto, unha persoa, que na segunda parte aparece como rei, dá grazas pola liberación e as vitorias. Na primeira parte, invocación (vv. 2-4), o perigo (vv. 5-7), teofanía (vv. 8-16), liberación (vv.17-20), reflexión sobre a obra de Deus (vv. 21-30). Na segunda parte, confesión e anuncio das liberacións, obra de Deus (vv. 31-46) e canto final de loanza (vv. 47-51).

29 Ti es, Señor, a miña candea,
o Señor aluma as miñas tebras.
30 Contigo podo correr tras dunha tropa,
co meu Deus podo atacar unha muralla.
31 A conduta do Señor é perfecta,
a súa palabra, acrisolada,
un escudo para cantos a El se acollen.
32 Que Deus hai, fóra do Señor?
Quen é unha rocha, fóra do noso Deus?
33 El é o Deus que me cingue de forza,
o que fai dereito o meu camiño.
34 El fai os meus pés coma os dos cervos
e mantenme en pé nos outeiros;
35 El adestra para a loita as miñas mans,
os meus brazos para tensar
arco de bronce.
36 Ti préstasme o teu escudo salvador,
a túa bondade engrandéceme.
37 Ti alongas os meus pasos
e non deixas tremer os meus nocellos.
38 Perseguirei os meus inimigos,
desbaratareinos,
non volverei, ata acabar con eles.
39 Destruireinos, esmagareinos,
de xeito que non poidan refacerse,
caídos debaixo dos meus pés.
40 Ti cínguesme de forza para o combate
e dobras debaixo de min
os meus contrarios.
41 Ti entrégasme os meus inimigos
polas costas,
para que eu poida abater
os que me odian.
42 Piden eles axuda e ninguén os axuda,
chaman polo Señor,
pero El non lles responde.
43 Heinos moer, coma o po da terra,
pisareinos, coma bulleiro das rúas.
44 Ti líbrasme do pobo en revolta
e posme á cabeza das nacións:
pobos que non coñecía
préstanme homenaxe.
45 Os estranxeiros agasállanme,
en véndome, xa me obedecen.
46 Os estranxeiros embarúllanse
e saen tremendo das súas cidadelas.
47 Viva o Señor, bendita a miña rocha!
Sexa exaltado Deus, o meu salvador,
48 o Deus que vinga as miñas aldraxes,
o que somete pobos ao meu xugo.
49 O que me libra dos meus inimigos,
érgueme por riba dos meus perseguidores
e sálvame do home violento.
50 Por iso quero loarte, Señor,
diante dos pobos,
quero cantarlle ao teu nome.
51 El dá ao seu rei grandes vitorias
e mostra o seu amor polo seu unxido,
con David e coa súa liñaxe para sempre.

### Derradeiras palabras de David

**23** 1 Estas son as derradeiras palabras de David:
Oráculo de David, fillo de Ixaí,
oráculo do home encomiado,
do unxido do Deus de Xacob,
do modulador das cántigas de Israel.
2 O espírito do Señor fala por min,
a súa palabra está na miña lingua.
3 O Deus de Israel faloume,
a rocha de Israel díxome:
"O que goberna os homes con xustiza
o que goberna co temor de Deus,
4 é coma a luz da mañá, ao nacer o sol,
coma a mañá limpa de néboa,
cando, despois da choiva,
brilla o céspede na terra".
5 Non é así coa miña casa,
na presenza de Deus?
Xa que El fixo comigo un pacto eterno,
ben ordenado e gardado,
non me dará El a vitoria
e fará florecer os meus anhelos?
6 Mais os perversos
son coma cardos que se tiran
e que ninguén colle coa súa man.
7 Cando alguén se lles achega,
vai armado de ferro ou pau de lanza
para botalos no lume e que se queimen.

### Heroes de David

8 Estes son os nomes dos heroes de David: Ixbaal, o hacmonita, o primeiro dos tres, que brandiu a machada e matou oitocentos homes nun combate. 9 Despois del, Elazar, fillo de Dodó o ahohita, un dos tres heroes que estaban con David, cando desafiaron aos filisteos que se reuniran alí para o combate. Cando os de Israel se retiraban, 10 foi el e matou filisteos ata que a man se lle cansou e lle

**23**, 1-7 As derradeiras palabras de David preséntanse coma un oráculo profético, que na súa forma recorda os de Balaam en Núm **24**. O contido do oráculo refírese ao goberno xusto do rei e revístese de ton sapiencial. Acaba cunha contraposición de dous xeitos de condutas e de destinos, coma o Sal **1**. Co gobernante xusto Deus establece unha alianza (2 Sam **7**).

**23**, 8-39 A lista dos heroes de David e das súas fazañas é a continuación do xa contado en 2 Sam **21**, 15-22. A lista convértese en relato para contar algunhas fazañas dos tres grandes heroes. Despois segue a lista dos trinta (**23**, 18ss). Entre eles había estranxeiros. Foran os compañeiros de David no tempo da vida errante.

quedou o puño apegado á espada. Aquel día concedeulle o Señor unha gran vitoria a Israel. O exército volveu onda Elazar, só para coller os despoxos. [11]Seguíalle Xamá, fillo de Agué, de Harar. Concentrándose os filisteos en Lehí, onde había un agro todo sementado de lentellas, o exército israelita fuxiu de diante deles. [12]Entón chantouse Xamá no medio do agro, defendeuno e combateu aos filisteos. Foi unha grande vitoria que o Señor lle concedeu.

[13]Ao comezo da seitura, tres dos trinta baixaron onda David á cova de Adulam, ao tempo que un corpo de filisteos acampaba no val de Refaím. [14]David atopábase, daquela, no refuxio, mentres unha unidade de filisteos estaba destacada en Belén. [15]David sentiu sede e dixo: –Quen me dera auga do pozo que hai onda a porta de Belén!

[16]Decontado os tres heroes irromperon no campamento filisteo, foron coller auga do pozo que hai onda a porta de Belén e leváronlla a David. David non a quixo beber, senón que a verteu en libación ao Señor. [17]Dixo: –Lonxe de min, Señor, facer tal cousa! É o sangue dos homes que expuxeron as súas vidas.

E non quixo bebela. Iso foi obra dos tres heroes. [18]Abixai, irmán de Ioab, fillo de Seruiah, era o xefe dos trinta. Brandindo a súa lanza contra trescentos homes, gañou un nome entre os trinta. [19]Era o de máis sona entre os trinta, que o fixeron o seu xefe. Pero non se igualou aos tres.

[20]Benaías, fillo de Iehoiadá, de Cabseel, home valente, autor de grandes fazañas, foi quen matou a dous moabitas, fillos de Ariel, e quen un día de neve entrou na tobeira dun león e matouno alí. [21]Foi tamén el quen matou a un exipcio moi forzudo e que tiña unha lanza na man. Benaías acercouse a el cun caxato, ripoulle a lanza da man e matouno con ela. [22]Estas cousas fixoas Benaías, fillo de Iehoiadá, que se labrou un nome entre os trinta campións. [23]Distinguiuse entre os trinta, pero non se igualou aos tres. David fixoo xefe da súa escolta.

[24]Asael, irmán de Ioab, era un dos trinta. Figuraban entre os trinta: Elhanán, fillo de Dodó, de Belén; [25]Xamah, o de Harod; Elicá, o de Harod; [26]Heles, o peleteo; Irá, fillo de Equex, de Tecoa; [27]Abiézer, de Anatot; Sibecai, de Huxah; [28]Salmón, o ahohita; Mahrai, de Netofah; [29]Héleb, fillo de Baanah, de Netofah; Itai, fillo de Ribai, de Guibah de Benxamín; [30]Benaías, de Piratón; Hidai, dos vales de Gaax; [31]Abialbón, de Arabah; Azmávet, de Bahurim; [32]Eliahbá, de Xaalbón; Iaxén, de Nun; [33]Iehonatán, fillo de Xamah, de Harar; Ahiam, fillo de Xarar, de Arar; [34]Elifélet, fillo de Ahasbai, de Bet Macah; Eliam, fillo de Ahitófel, de Guiló; [35]Hesrai, de Carmel; Parai, de Arab; [36]Igal, fillo de Natán, de Sobah; Baní, de Gad; [37]Sélec, o amonita; Nahrai, de Beerot, escudeiro de Ioab, fillo de Seruiah; [38]Irá, de Iatir; Gareb, de Iatir; [39]Urías, o hitita. En total, trinta e sete.

### O censo e a peste

**24** [1]O Señor anoxouse outra vez con Israel e encirrou a David para o seu castigo, dicíndolle: –Anda, fai un censo de Israel e de Xudá.

[2]O rei mandoulle a Ioab, xefe do exército que ía con el: –Percorre todas as tribos de Israel, desde Dan a Beerxeba, e fai o censo da poboación, para saber canta xente teño.

[3]Ioab respondeulle ao rei: –Multiplique o Señor, o teu Deus, por cen a túa xente e que os ollos do rei, meu señor, o poidan ver. Pero para que quere o rei, meu señor, facer ese censo?

[4]A palabra do rei prevaleceu sobre o parecer de Ioab e dos xenerais do exército e estes saíron de onda o rei para facer o censo da poboación de Israel. [5]Atravesaron o Xordán e comezaron por Aroer, ao sur da cidade que está no medio da valgada, e dirixíronse a Gad e a Iazer. [6]Chegaron a Galaad e ao país dos hititas en Cadex. Logo foron a Dan e de alí deron a volta cara a Sidón. [7]Entraron despois na praza forte de Tiro e nas cidades dos hivitas e dos cananeos, e, por fin, baixaron ao

**24** Se os anexos comezaban cunha seca de tres anos, agora acaban cunha peste de tres días. Esta veu como castigo polo censo que David fixo dos seus homes. O rei quería estar seguro da forza coa que contaba, sen facer conta de que a súa forza lle viña do Señor. Deus é quen acrecenta e quen diminúe a forza humana. Co sacrificio no novo altar, o Señor aplacouse e a peste cesou.

**24**, 1 Para non recoñecerlle forza autónoma ao mal, o autor da historia di que Iavé encirrou a David a facer o censo dos seus homes. En 1 Cro **21**, 1 aclárase que foi Satán o instigador.

**24**, 3 Pola boca de Ioab o autor aclara que o poder non está no número dos homes; tamén David o verá (vv. 10s).

**24**, 5ss A extensión do reino de David está aquí nos seus máximos. Polo sur comprende Moab, en Transxordania; polo norte chega por riba do río Orontes, na fronteira hitita.

sur de Xudá e a Beerxeba. [8]Percorreron todo
o país e, ao cabo de nove meses e vinte días,
volveron a Xerusalén.
[9]Ioab entregoulle ao rei o resultado do cen-
so. En Israel había oitocentos mil homes para
cinguir a espada; en Xudá había cincocentos
mil. [10]A David batíaselle o corazón porque
fixera o censo do pobo e díxolle ao Señor:
–Cometín un grave pecado co que fixen.
Agora perdoa a iniquidade do teu servo, pois
fixen unha loucura.
[11]Cando David se ergueu pola mañá, o
profeta Gad, vidente de David, tivera palabra
do Señor: [12]–Vai e dille que así fala o Señor:
"Propóñoche tres cousas: elixe unha delas,
que a vou realizar".
[13]Gad presentouse onda David e anun-
cioulle: –Prefires que veñan sobre o país sete
anos de fame, ou ter que saír fuxindo por
tres meses perseguido polos teus inimigos,
ou que haxa tres días de peste na túa terra?
Pensa e mira o que lle debo responder ao que
me envía.
[14]David díxolle a Gad: –Véxome nun gran
aperto. Pero prefiro caer nas mans do Señor,
que é grande e misericordioso, e non caer nas
mans dos homes.
[15]Entón mandou o Señor unha peste sobre
Israel desde aquela mañá ata o prazo fixa-
do. Desde Dan a Beerxeba morreron setenta
mil homes do pobo. [16]Cando o anxo alonga-
ba a man cara a Xerusalén, para destruíla,
arrepentiuse o Señor do castigo e díxolle ao
anxo exterminador: –Abonda xa! Detén a
túa man!

O anxo do Señor atopábase entón onda a
eira de Araunah o iebuseo.
[17]Vendo David como o anxo mataba a xen-
te do pobo, díxolle ao Señor: –Mira que son
eu o que pecou; eu teño a culpa. Pero este
rabaño que culpa ten? Descarga a túa man
sobre min e sobre a miña familia.
[18]Aquel mesmo día Gad foi onda David e
díxolle: –Vai e edifícalle ao Señor un altar na
eira de Araunah o iebuseo.
[19]David fixo o que Gad lle dicía seguindo
as ordes do Señor. [20]Cando viu Araunah que
o rei e os seus serventes camiñaban cara a
el, saíu e saudounos, prostrándose polo chan.
[21]Araunah dixo: –Como o rei, meu señor, vén
onda o seu servo?
E David respondeulle: –Veño mercarche a
eira para edificar nela un altar ao Señor, para
que a praga se afaste do pobo.
[22]Araunah díxolle a David: –Tómaa, rei,
meu señor, e ofrece nela o que queiras. Velaí
os bois para o holocausto, e os trillos e xugos
para leña.
[23]Araunah dáballe ao rei iso todo, agoirán-
dolle: –Que o Señor, o teu Deus, che sexa
propicio.
[24]Pero o rei díxolle a Araunah: –Non; mer-
careicho, pagándoche o seu prezo, pois non
quero ofrecerlle ao Señor, o meu Deus, holo-
caustos que nada me custaron.
E David mercoulle a eira e mais os bois por
cincuenta siclos de prata. [25]David edificoulle
alí un altar ao Señor e ofreceu holocaustos e
sacrificios pacíficos. O Señor compadeceuse
do país e a praga afastouse de Israel.

**24**, 9 Os números son esaxerados, para dar unha forte impresión do poder de David. Deseguida aclara o autor que o seu verdadeiro poder estaba en Deus que o axudaba.
**24**, 11 O profeta Gad acompañara sempre a David (1 Sam **22**, 5).
**24**, 16 A figura do anxo vingador (2 Re **19**, 35) personifica a calamidade, que se supón mandada por Deus e controlada por El.
**24**, 18ss O cesamento da peste xa lle fora concedido á oración de David (v. 16). Pero o tema do altar interesoulle particularmente ao autor. O seu emprazamento indicouno un profeta, unha sorte de teofanía, que escolle o lugar onde se construirá máis tarde o templo de Xerusalén. David adquiriu co seu propio diñeiro o lugar, coma Abraham no seu día a cova de Macpelah (Xén **23**). É un bo tema para rematar a historia de David.

# INTRODUCIÓN AOS LIBROS DOS REIS

## 1. Título

*O nome do* Libro dos Reis *refírese ao seu contido, á historia dos reis de Israel e de Xudá, desde a morte de David ata o final da monarquía. Ese título concorda mellor co seu obxecto ca o de Libro dos Reinos, dos LXX. Os dous libros non eran na orixe máis ca un. Foron tamén os autores da tradución grega dos LXX os que introduciron esa división, que logo pasou ás outras traducións e, por fin, tamén ao texto hebreo, nas edicións impresas da Biblia desde o século XV (1448). Pero esa división é artificial. Parte en dous o reino de Ocozías e non corresponde a nada.*

## 2. Contido

*Polo seu contido a obra divídese en tres partes, independentes da súa división en dous libros: o reino de Salomón, os reinos de Israel e de Xudá, e o reino de Xudá ata o desterro.*

*- O reino de Salomón (1 Re **1-11**). Intégrase nesta parte o tema do triunfo da súa causa (cc. **1-2**), do goberno salomónico, coas notas de sabedoría, de poder e de riqueza, das súas obras, e en particular a obra do templo (cc. **3-10**) e, á fin, as sombras do reino (c. **11**).*

*- Os reinos de Israel e de Xudá (1 Re **12** - 2 Re **17**). Comeza coa división do reino salomónico e o cisma político e relixioso (1 Re **12-13**); segue coa historia paralela dos dous reinos, primeiro en guerras entre eles, debilitándose un ao outro, e despois unidos, pero atacados desde fóra polos pequenos reinos veciños do arredor e polos grandes imperios de Exipto e de Asiria; para rematar coa caída de Israel baixo os asirios. Unha boa parte desta historia dedícase a recordos de profetas e a reflexións teolóxicas.*

*- O reino de Xudá ata o desterro (2 Re **18-25**). Fala dos reis de Xudá despois da caída de Samaria, en particular de Ezequías (cc. **18-20**) e Ioxías (cc. **22-23**), coas súas respectivas reformas relixiosas, e da caída de Xudá baixo o xugo de Babilonia, acabando coa concesión de graza ao derradeiro rei xudeu no desterro.*

## 3. Fontes

*As fontes consultadas polo autor desta gran obra son moitas e moi diversas, como para poder dar boa razón dos heteroxéneos materiais que se atopan dentro dela. Pero no conxunto adquiren a requirida coherencia. Grazas a tantas fontes, o autor do Libro dos Reis cobre con feitos catrocentos anos de historia.*

*Unhas poucas entre esas fontes teñen nome e o autor chamounas por el. Ese é o caso do Libro dos Feitos de Salomón, amentado en 1 Re **11**, 41, unha sorte de saga salomónica, con datos sobre os servidores de Salomón, o seu comercio e o seu goberno; quizais para a construción do templo coñeceu datos que proviñan dos arquivos sacerdotais.*

*Despois está o Libro das Crónicas dos reis de Israel, amentado moitas veces, referíndose aos feitos dos reis de Israel, desde Ieroboam ata Pécah (1 Re **14**, 19; 2 Re **15**, 31). Era seguramente un relato documentado nos Anais que se gardaban nos arquivos do palacio real de Israel; doutro xeito os Anais mesmos non estarían á man de calquera e menos despois de que caera Samaria. O relato nomeado polo autor parece ter máis información sobre os reis da que el quixo dar. Semellante a esa obra sobre os reis de Israel está o Libro das Crónicas dos reis de Xudá, amentado desde o reinado de Roboam ata o de Ioaquim (1 Re **14**, 29; 2 Re **24**, 5).*

## 4. Autor e composición

*O autor do Libro dos Reis tivo certamente outras fontes, escritas e orais. Non as recorda polo nome, pero nós podemos supoñerllas, polos materiais que o forneceron para a súa obra. Temos a Historia da sucesión de David, que está en 2 Sam **9-20**, e que remata aquí en 1 Re **1-2** co tema da sucesión de Salomón e co dato da morte de David. Pero, entre todas sobresaen as fontes de orixe profética, cos ciclos de Elías (1 Re **17-19**; **21**; 2 Re **1**, 1-17), de Eliseo (2 Re **2**; **3**, 4-27; **4**, 1-**8**, 15; **9**, 1-10; **13**, 14-21), de Isaías (2 Re **18**, 17-**20**,19) e doutros profetas, coma Miqueas, fillo de Imlah (1 Re **22**), de Ahías de Xiloh (1 Re **11**, 29-39; **14**, 1-18) e aínda outros (1 Re **12**, 32-**13**, 32).*

*A orixe do Libro dos Reis non fica esclarecido pola atribución talmúdica do mesmo ao profeta Xeremías. A súa complexidade require unha explicación máis atinada.*

*A obra componse coa axuda das fontes, coa sincronización entre os dous reinos e cos ensinos teolóxicos, quizais obra de máis dun redactor. A redacción e mailas teses teolóxi-*

*cas levan o selo da escola deuteronomista. Ela sería a responsable desa grande obra que os xudeus chaman "profetas primeiros" e que comprende os libros de Xosué, Xuíces, Samuel e Reis, co Deuteronomio á cabeza.*

*Dentro desa gran obra da escola deuteronomista, o Libro dos Reis parece ser froito de dúas redaccións. A primeira sitúase, por máis dunha razón, despois da reforma de Ioxías e antes da súa morte (entre 622 e 609). Non supón aínda o desterro; xulga os reis polo criterio da fidelidade ao exclusivismo do templo de Xerusalén e pola obediencia á palabra da Lei e á dos profetas; esixe unha pureza de iavismo que non admite apaño ningún co sincretismo cananeo. A segunda redacción cadraría ben polo ano 550, despois de que o rei de Babilonia concedera graza ao rei Ioaquín no desterro (562); esa redacción sería a responsable das pasaxes que anuncian e que comentan o feito do desterro. Este cumpre a palabra ameazante da Lei e dos profetas, verbo do mal comportamento dos reis e de todo o pobo.*

*Cos seus encadres sistemáticos, o Libro dos Reis presenta en conxunto unha forte unidade de estrutura e de pensamento, sen se esquecer da pluralidade e da diversidade das súas fontes.*

## 5. Estrutura

*Un dos fenómenos literarios máis destacados do libro é a estrutura, de gran unidade literaria e de pensamento, que serve de marco narrativo para falar de todos os reis. Comeza cunha introdución, na que consta a data de comezo do reinado, en sincronía co reino paralelo, a idade do rei (só en Xudá), o lugar do reinado, a duración e o nome da nai (só en Xudá). Segue despois o corpo narrativo, no que atopamos os datos que lle interesaron ao autor, e logo o xuízo relixioso (os de Israel merecen todos xuízo negativo: fixeron o mal, caeron nos pecados de Ieroboam, ou de Acab; os de Xudá, uns son xulgados mal, outros ben con reservas e uns poucos enteiramente ben, coma Ezequías e Ioxías). No epílogo recórdanse as fontes para máis información, dáse o dato da morte do rei, co lugar do seu enterramento e o nome do sucesor.*

## 6. Xénero literario e cronoloxía

6.1. *O valor histórico da obra é moi grande. Para quen o le dá a impresión de achegarse a un período longo, de máis de catrocentos anos de historia, o espazo que vai desde Salomón, polo ano 970, ata a concesión de graza a Ioaquín, no 562. O autor cobre ese espazo con feitos contrastados en fontes que se documentaron nos arquivos, en escritos do templo, en recordos de profetas. Sen o Libro dos Reis quedaría ás escuras a historia da monarquía. A información extrabíblica, que é moita, non nos axudaría a ver nada desa historia por dentro.*

*Certo que botamos de menos nesta obra, sobre todo, dúas cousas. Primeiro, que non nos fai ver a historia particular de Israel na perspectiva da historia xeral, no seu contexto xeográfico e histórico, no medio dos pobos que decidiron tanto da súa sorte, mesmo se recorda moitas veces os nomes dos pobos veciños: os pequenos, coma os arameos, os fenicios, os filisteos, os transxordanos; e os máis grandes: Exipto, Asiria e Babilonia. Conta feitos individuais, como matrimonios e pactos, ofensas e tensións, invasións e liberacións, sometementos e independencias. Á fin, os reinos de Israel e de Xudá eran dous pobos pequenos, cunha supervivencia que pendía do equilibrio do xogo de forzas dese marco. Pero o historiador non afondou nesas plurais relacións, para poñer á vista a causalidade intrahistórica, que aclararía moito do curso que seguiu o seu pobo. Quizais sería moito esperar que o fixese.*

*En segundo lugar, gustaríanos que o Libro dos Reis nos informase mellor sobre os mesmos reis e sobre os pobos de Israel e de Xudá. Dalgúns reis moi importantes sabemos ben pouco. O punto de vista do autor reduciu de máis o campo de interese. Certo, o que o autor nos transmitiu refórzase, ás veces, con datos doutros libros, coas fontes dos pobos veciños e mesmo coas achegas da arqueoloxía.*

6.2. *A cronoloxía dos reis é un dos puntos históricos de importancia maior, pero que adoita ter problemas. Non porque os autores do libro non lle prestasen atención, o mesmo á cronoloxía xeral como á datación de cada rei. En 1 Re* **6**, *1 hai unha data absoluta, que debería servir de punto de partida: o templo comezou a construírse no ano 480 da saída dos israelitas de Exipto. De cada rei temos a data da súa entronización e a duración do seu reinado; ben entendido, a data é a relativa á do reino paralelo de Israel ou de Xudá.*

*Pero os problemas están en que a data do éxodo é incerta, e a cifra de 480 anos é convencional; en que a cronoloxía dos reis non cadra coa dos documentos extrabíblicos; en*

*que a sincronía dos reis do norte e do sur non se axusta, e en que a suma dos anos dun reino non se corresponde coa do outro.*

*Hai varias explicacións e diversos procedementos para saír dos problemas. O primeiro de todos é a sospeita de que o texto estea corrompido e non nos transmita os datos que procedían dos Anais. Máis aló diso, está o feito da corrección, ben coñecida nalgúns casos e que se podería supor noutros. Outras hipóteses de arranxo baséanse no noso descoñecemento de cando comezaba a contar o reinado dun rei. A teoría da antedatación supón que o ano do cambio de reinado se lles atribuía aos dous reis, ao que acababa e ao que empezaba; a teoría da posdatación supón que ao novo rei non se lle contaba o ano do comezo. Descoñecemos igualmente con que calendario habemos de contar, dos dous que tiñan un comezo de anos diferente.*

*Pero iso non quere dicir que esteamos de todo ás escuras. Desde a cronoloxía asiriobabilónica fíxase un marco cronolóxico xeral e atínase con datas concretas, que serven para esclarecer a cronoloxía bíblica. Para fixar a data de David e de Salomón temos a inscrición do contemporáneo Hiram de Tiro, que nos dá 970-940 a. C. En conformidade con esa data, os 40 anos de reinado de David sitúanse entre o 1010 e o 970; e os 40 de Salomón entre o 970 e o 931. Nesta última data comeza a historia separada dos dous reinos, o de Israel do 931 ao 722/21, con 19 reis, e o de Xudá do 931 ao 587/6, con 20 reis.*

| **Xudá** | | **Israel** | |
|---|---|---|---|
| Roboam | 931-914 | Ieroboam | 931-910/9 |
| Abías | 914-912 | Nadab | 910/9-909/8 |
| Asá | 912-871/70 | Baxá | 909/8-886/85 |
| | | Elah | 886/85-885/84 |
| | | Zimrí | 885/84 |
| | | Omrí | 885/84-874/73 |
| | | Acab | 874/73-853 |
| Ioxafat | 871/70-848 | Ocozías | 853-852 |
| Ioram | 848/841 | Ioram | 852-841 |
| Ocozías | 841-841/40 | Iehú | 841-813 |
| Atalía | 841/40-835 | | |
| Ioax | 835-796 | Ioacaz | 813-797 |
| | | Ioax | 797-782/81 |
| Amasías | 796-767 | | |
| | | Ieroboam II | 782/81-753 |
| Ozías | 767-740 | | |
| | | Zacarías | 753-753/52 |
| | | Xalum | 753/52 |
| | | Menahem | 753/52-742/41 |
| Iotam | 740-735/33 | Pecahías | 742/41-740/39 |
| | | Pécah | 740/39-731 |
| Acaz | 735-716 | Oseas | 731-722/1 |
| Ezequías | 716-687 | | |
| Menaxés | 687-642 | | |
| Amón | 642-640 | | |
| Ioxías | 640-609 | | |
| Ioacaz | 609 | | |
| Ioaquim | 609-598 | | |
| Ioaquín | 598-597 | | |
| Sedecías | 597-587/6 | | |

*O propósito do Libro dos Reis vai máis alá de contar a historia: os feitos son lidos polos autores da escola deuteronomista en función dunha mensaxe, que non pregunta pola nación, senón por un pobo que se quere facer pobo de Deus. Por iso, máis ca os feitos históricos e políticos, atenden ao cumprimento da constitución chamada alianza, e non poñen os ollos na causalidade intrahistórica, senón no sentido fondo que acerta a ver o profeta e o home relixioso.*

*O historiador pregunta a cada rei o que fixo para sacar adiante o pobo da alianza, e inquire por que se perdeu a terra e acabaron en ruína o pobo, o templo, os reis e todas as institucións. A historia presenta problemas aos que o Libro dos Reis tenta responder. O libro é historia teolóxica, parte dunha gran teoloxía da historia, da escola deuteronomista.*

## 7. Teoloxía do libro

*Atopámola máis que nada nos discursos e nas oracións dos mesmos reis, en palabras doutros personaxes e en reflexións interpretativas, redactadas polos autores deuteronomistas, recomendando a Lei da alianza. E, por suposto, nas moitas palabras dos profetas. Neses lugares vén deseguida á vista o pensamento que dirixe a obra enteira.*

*Unha das claves deste pensamento atópase no Dt **27**-**28**, onde se fala da alianza e da súa lei como principio dunha orde e fundamento dunha identidade. Da resposta do pobo que decidiu facela súa, depende que atinxa a bendición ou a maldición.*

*Despois da reforma de Ioxías, a fidelidade á Lei da alianza mídese pola fidelidade ao templo de Xerusalén e á centralización do culto, para fuxir do sincretismo cananeo. Nesta historia o pobo vén representado polos reis. O xuízo dos reis de Israel faise á luz dun modelo negativo: o primeiro rei, Ieroboam; o dos reis de Xudá, á luz do modelo de David. O xuízo fai ver que sorte lle corresponde a cada un; e, desde ese momento, a histo-*

*ria convértese en escenario onde ten lugar a xusta retribución. O Libro dos Reis acaba sendo a historia do funcionamento da palabra de Deus.*

*Mais, ademais da palabra de Deus na Lei da alianza, está a que dixo polos profetas. A palabra anuncia o que ha de vir, dado o comportamento dos reis e do pobo, e xustifica o que xa veu co que xa fora anunciado. A cadea dialéctica de anuncio e cumprimento traballa de fio condutor desta historia.*

*Mais os ollos do autor prefiren mirar máis cara adiante que para atrás: impórtalle a posibilidade e o proxecto dun porvir. Nas acusacións do mal hai unha chamada á conversión, e no recordo das promesas un principio de esperanza. A promesa davídica non está esquecida. Se o historiador se lembra tantas veces da promesa dun descendente e dunha lámpada acesa a David (1 Re **2**, 4; **8**, 20; **11**, 13. 32. 36; **15**, 4; 2 Re **8**, 19), é porque ve que segue tendo agora a súa forza e que hai nela un horizonte aberto para adiante. O derradeiro dato que dá da monarquía, a graza feita a Ioaquín, é unha porta aberta.*

*Por outro lado, a alianza non é vista como proxecto fracasado: o autor conta con que o rei e o pobo "volvan", se convertan, e non deixa de repetilo (1 Re **8**, 33-35; 2 Re **23**, 25). A historia coñece tamén reis que, con pequenos movementos de bondade, retardaron a maldición ou detivérona. E Deus chama polos profetas para unha nova alianza, como a que anuncia Xeremías (Xer **31**, 31-34).*

## 8. O texto

*O texto do Libro dos Reis chegounos ben conservado no hebreo masorético. Pódese dicir que non hai nel pasaxes verdadeiramente inservibles. Os paralelos noutros libros, coma nas Crónicas e en Isaías, engaden posibilidades de resolver algunhas dúbidas. Tamén serve para isto a versión grega dos LXX.*

# LIBRO PRIMEIRO DOS REIS

## REINADO DE SALOMÓN

### Vellez de David

**1** [1]O rei David ía xa vello, moi metido en anos, e por máis que o cubrían de roupa, non quecía. [2]Dixéronlle os seus servidores: –Que se procure para o rei, noso señor, unha rapaza nova, para que o sirva e o atenda, que durma con el e que o faga quecer.

[3]Foron por todo Israel, na procura dunha rapaza fermosa; atoparon a Abixag de Xunam e leváronlla ao rei. [4]A rapaza era moi bela. Servía o rei e coidaba del; pero o rei non se lle achegou.

### Adonías pretende o reino

[5]Nese tempo, Adonías, fillo de Haguit, andaba dicindo con fachenda: –Eu vou ser rei.

Fíxose cunha carroza e cabalos e con cincuenta homes de escolta. [6]Seu pai nunca lle levara a contra, preguntándolle que facía. Era moi ben feito e nacera despois de Abxalom.

[7]Mantiña tratos con Ioab, fillo de Seruiah, e co sacerdote Abiatar, que o apoiaban. [8]Pero o sacerdote Sadoc, Benaías, fillo de Iehoiadá, o profeta Natán, Ximí, Reí e mais os valentes de David, non seguían a Adonías. [9]Adonías sacrificou ovellas, bois e becerros, onda a pedra Zohélet, ao pé de En-Róguel. Convidou os irmáns, fillos do rei, e os homes de Xudá que servían o rei; [10]pero ao profeta Natán, e Benaías, aos valentes de David e o seu irmán Salomón, non os convidou.

### A causa de Salomón

[11]O profeta Natán díxolle entón a Batxeba, nai de Salomón: –Non oíches dicir que se proclamou rei Adonías, fillo de Haguit, sen que o saiba David, o noso señor? [12]Déixame que che dea un consello, se queredes salvar a vida ti e mais o teu fillo Salomón. [13]Vai onda o rei e dille: "Rei, meu señor, non lle tiñas xurado á tua serva que despois de ti reinaría o meu fillo Salomón, sentándose no teu trono? Como é pois, que se proclamou rei Adonías?". [14]Ao tempo de estares falando ti co rei, entrarei eu e confirmarei as túas palabras.

[15]Batxeba entrou onda o rei, na súa alcoba. O rei estaba moi vello e servíao Abixag a xunamita. [16]Batxeba inclinouse e prostrouse diante do rei. E o rei preguntoulle: –Que queres?

[17]E ela respondeulle: –Señor, ti xuráchesslle polo Señor, o teu Deus, á túa serva: "Despois de min reinará o teu fillo Salomón, sentándose no meu trono". [18]Mais agora é Adonías quen se proclama rei, ás agachadas. [19]Sacrificou bois, becerros e moitísimas ovellas e convidou a todos os fillos do rei, o sacerdote Abiatar e o xeneral Ioab, mais ao teu servo Salomón non o convidou. [20]Agora, rei, meu señor, os ollos de todo Israel están postos en ti, á espera de que lle digas quen reinará despois de ti. [21]Ora que, cando o rei, o meu señor, durma con seus pais, eu e mais o meu fillo Salomón teremos a consideración de culpables.

[22]Aínda falaba ela co rei, cando entrou o profeta Natán. [23]Anunciáronlle ao rei: –Velaquí o profeta Natán.

Entrou el onda o rei e prostrouse polo chan. [24]E dixo: –Ti, rei meu señor, debes ter dito que Adonías será rei despois de ti, que será el quen sente no teu trono. [25]Porque hoxe baixou e sacrificou bois e becerros e moitísimas ovellas e convidou a todos os fillos do rei, os xenerais e mais o sacerdote Abiatar. Están agora no convite e proclaman: "Viva o rei Adonías". [26]Pero a min, o teu servidor, ao sacerdote Sadoc, a Benaías, fillo de Iehoiadá e ao teu servo Salomón non nos convidou. [27]Será isto cousa do rei, o meu señor, mesmo se ti non informaches os teus servos de quen sentará no trono, para reinar despois de ti?

**1-2** Estes dous cc. rematan a historia da sucesión de David (2 Sam **9-20**), co triunfo da causa de Salomón fronte ao último pretendente, Adonías.

**1**, 4 A senilidade do rei obriga a decidir o tema da sucesión. A proba da virilidade serve de criterio da capacidade de gobernar.

**1**, 5 *Adonías* xoga a ser el o sucesor, como pola idade lle correspondía, despois do fracaso de Abxalom. Coma este, quere impresionar cos feitos consumados (2 Sam **15-18**).

**1**, 7s Os notables do reino toman partido, entre outras razóns, por rivalidades entre eles, coma as dos dous sacerdotes e as dos dous xenerais. Ioab era o antigo xeneral de David (2 Sam **8**, 16; **20**, 23); Abiatar, da familia sacerdotal de Xiloh, librado da matanza de Nob (1 Sam **22**, 20-23). Os "valentes" de David eran os seus soldados profesionais.

**1**, 9 O banquete é entendido como de inauguración do reinado.

**1**, 11ss O profeta Natán, que xa lle dera o nome de Iedidías a Salomón cando nacera (2 Sam **12**, 24s), decide agora que sexa el o sucesor. Non sabemos por outro lado deste suposto xuramento de David a Batxeba.

**1**, 21 *Culpables*, por pretender o reino, no caso de que este fose de Adonías.

[28]Niso ordenou o rei David: –Chamade aí por Batxeba.

Entrou Batxeba e quedou de pé diante do rei. [29]Entón o rei xurou: –Polo Deus vivo, que me tirou de todas as angustias. [30]O que che xurei polo Señor, Deus de Israel, que o teu fillo Salomón reinaría despois de min, sentado no meu trono, vouno cumprir agora mesmo.

[31]Inclinouse Batxeba e prostrouse polo chan diante do rei e dixo: –Viva por sempre o rei David, o meu señor.

[32]O rei David mandou entón: –Chamádeme aí polo sacerdote Sadoc, o profeta Natán e Benaías, fillo de Iehoiadá.

E eles entraron onda o rei. [33]El díxolles: –Levade convosco os ministros do voso señor, montade o meu fillo Salomón na miña mula e baixádeo a Guihón. [34]Alí o sacerdote Sadoc e o profeta Natán unxirano rei de Israel. Logo tocaredes a trompeta e aclamaredes: "Viva o rei Salomón!". [35]Rubiredes despois detrás del, e que veña sentar no meu trono, para reinar no meu lugar. Dispoño que sexa el o xefe de Israel e de Xudá.

[36]Benaías, fillo de Iehoiadá, respondeulle ao rei: –Amén, que así o queira o Señor, Deus do meu señor o rei. [37]Segundo estivo o Señor co rei, meu señor, que estea tamén con Salomón e que engrandeza o seu trono, aínda máis ca o do rei David.

[38]Daquela o sacerdote Sadoc, o profeta Natán, Benaías, fillo de Iehoiadá, cos cereteos e os peleteos, baixaron a Salomón montado na mula do rei e conducírono a Guihón. [39]O sacerdote Sadoc colleu do santuario o corno do aceite e unxiu a Salomón. Tocaron a trompeta, e o pobo todo aclamou: "Viva o rei Salomón!". [40]Despois subiron todos detrás del, tocando frautas e facendo tan grande festa, que a terra tremía co estrondo.

### Desfeita de Adonías

[41]Oírono Adonías e os seus convidados, que acababan de comer. En sentindo Ioab o son da trompeta, preguntou: –Que algueirada é esa na cidade?

[42]Non rematara de falar, cando entrou Ionatán, fillo do sacerdote Abiatar. Díxolle Adonías: –Entra; ti es home de ben e traerás boas novas.

[43]Ionatán respondeulle: –Ben ao contrario. O rei David, o noso señor, fixo rei a Salomón. [44]O rei mandou con el o sacerdote Sadoc, o profeta Natán e Benaías, fillo de Iehoiadá, cos cereteos e os peleteos, e levárono montado na mula do rei. [45]O sacerdote Sadoc e o profeta Natán unxírono rei en Guihón. De alí subiron en festa, e a cidade relouca. Esa é a algueirada que oístes. [46]E aínda máis, Salomón sentou no trono real [47]e os servidores do rei foron felicitar o rei David, noso señor:

"Que Deus faga ben a Salomón,
por enriba de ti,
e que engrandeza o seu trono sobre o teu".

E o rei, prostrado no seu leito, exclamou:

[48]"Bendito sexa o Señor, Deus de Israel,
que me deu hoxe quen sente no meu trono
e que me permitiu que o vise cos meus ollos".

[49]Os convidados de Adonías, todos cheos de medo, erguéronse e marcharon, cada un polo seu lado. [50]Adonías tivo medo de Salomón e foise agarrar dos cornos do altar. [51]Dixéronlle a Salomón: –Seica Adonías teme o rei e foise agarrar dos cornos do altar. Quere que lle xures que non o matarás a fío de espada.

[52]Salomón respondeu: –Se se mostra home de ben, non caerá pola terra nin un só dos seus cabelos; pero se comete algunha falta, morrerá.

[53]O rei Salomón mandou que o baixasen de onda o altar. Adonías veu prostrarse diante do rei Salomón, e este díxolle: –Vai para a túa casa.

### Derradeiros consellos e morte de David

**2** [1]Véndose cerca da morte, David fíxolle ao seu fillo Salomón estas recomendacións: [2]–Eu estou para emprender o camiño de todos. Ti tes que ser valente e portarte coma un home. [3]Garda os preceptos do Se-

**1**, 28-30 O rei resolve unha ambigüidade que estaba sendo perigosa. Había en xogo persoas, a guía do pobo, a honra do rei e mesmo o proxecto de Deus.

**1**, 32-40 A entronización queda descrita primeiro na orde de David e logo no cumprimento. O rei é unxido conxuntamente polo sacerdote e polo profeta. O profeta confírelle ao rei a primeira lexitimidade; a segunda é a do pobo (1 Sam **11**, 14s; 2 Re **9**, 1ss).

**1**, 36s No agoiro piden que Deus confirme a elección que fixo o rei.

**1**, 38 *Os cereteos e os peleteos* eran soldados profesionais de David, ao parecer mercenarios de orixe cretense e filistea.

**1**, 48 No feito da sucesión cúmprese a profecía de Natán (2 Sam **7**, 12ss; Sal **89**, 4s; **132**, 11).

**1**, 50 Asilo sagrado (Éx **21**, 13s; Núm **35**, 9ss).

**2**, 1-9 O testamento de David ten dúas partes: na primeira recomenda ao seu fillo o cumprimento da lei; na segunda avísao de persoas perigosas, inimigos que el non castigou.

ñor, o teu Deus, seguindo os seus camiños; observa os seus mandamentos e as súas leis, as súas decisións e os seus ensinos, conforme están escritos na Lei de Moisés, para que che saia ben todo o que fagas e todo o que emprendas. [4]Dese xeito cumprirá o Señor a promesa que fixo: "Se os teus fillos fan o que é debido, camiñando diante de min con sinceridade de corazón e de espírito, non che faltará un descendente no trono de Israel". [5]Polo demais, ti sabes ben o que me fixo Ioab, fillo de Seruiah, o que fixo cos dous xenerais de Israel, con Abner, fillo de Ner, e con Amasá, fillo de Iéter, aos que matou, botando con iso na paz sangue de guerra, manchando con sangue de guerra o cinto que o cinguía e as sandalias dos seus pés. [6]Fai con el segundo a túa sabedoría, pero non deixes que os seus cabelos brancos baixen en paz ao sepulcro. [7]Mais cos fillos de Barzilai de Galaad móstrate agradecido. Cóntaos entre os que xantan na túa mesa, pois eles fixeron comigo outro tanto, cando eu ía fuxindo de teu irmán Abxalom. [8]Velaí tes tamén a Ximí, fillo de Guerá, o benxaminita de Bahurim. O día en que eu fuxía de Mahanaim, botoume unha cruel maldición. Mais logo baixou ao Xordán ao meu encontro, e xureille polo Señor que non o mataría coa espada. [9]Pero ti non o deixes sen castigo. Ti es intelixente e sabes o que tes que facer, para que na súa vellez baixe en sangue á sepultura.

[10]David durmiu con seus pais e enterráronno na cidade de David. [11]Reinara en Israel corenta anos, sete deles en Hebrón e trinta e tres en Xerusalén. [12]Salomón sucedeu a David, o seu pai, no trono e consolidou o seu reino.

### Salomón desfaise dos seus inimigos: Adonías

[13]Adonías, fillo de Haguit, presentouse a Batxeba, nai de Salomón, e ela preguntoulle: –Vés en son de paz?

[14]El respondeulle: –Veño. E engadiu: –Teño que dicirche unha cousa.

Ela díxolle: –Fala.

[15]Adonías dixo entón: –Ti sabes que o reino era meu e que todo Israel esperaba que eu reinase. Pero o trono fuxiu de min e foi para meu irmán, porque o Señor o dispuxo dese xeito. [16]Mais agora vouche pedir só unha cousa. Non ma negues.

Batxeba díxolle: –Fala.

[17]El dixo: –Pídelle, por favor, ao rei Salomón, e el non cho negará, que me dea por muller a Abixag de Xunam.

[18]Batxeba díxolle: –Está ben; falareille por ti ao rei.

[19]Batxeba foi onda o rei Salomón, para falarlle de Adonías. O rei saíu ao seu encontro e saudouna cunha inclinación. Despois sentou no trono e mandou pór alí outro trono, para que a nai do rei sentase á súa dereita.

[20]Batxeba dixo entón: –Teño unha pequena cousa que pedirche. Non ma negues.

O rei respondeulle: –Pide, nai, que non cha negarei.

[21]Ela dixo: –Que Abixag a xunamita lle sexa dada por muller ao teu irmán Adonías.

[22]Daquela o rei Salomón díxolle a súa nai: –Por que pides para Adonías a Abixag a xunamita? Podías pedir tamén o reino para el, pois el é meu irmán, maior ca min, e ten do seu lado o sacerdote Abiatar e mais a Ioab, fillo de Seruiah.

[23]E o rei Salomón xurou no nome do Señor: –Que Deus me castigue, se Adonías non paga esta palabra coa súa vida. [24]Polo Señor vivo, que me asentou ben afincado no trono do meu pai David, e que escolleu a miña familia, conforme tiña prometido; xuro que hoxe mesmo morrerá Adonías.

[25]O rei Salomón encargoullo a Benaías, fillo de Iehoiadá, e este feriuno e matouno.

### Os partidarios de Adonías

[26]O rei díxolle ao sacerdote Abiatar: –Vaite para as túas terras de Anatot. Merecías morrer. Pero hoxe non te vou matar, porque leva-

**2**, 4 O historiador deuteronomista sinala o compromiso e o porvir da promesa davídica.

**2**, 5-9 Tres casos pendentes. Os crimes teñen que ser castigados (Éx **21**, 12-14); se non, ese sangue caerá sobre os que tiñan esa persoa ao seu servizo, como David tiña a Ioab. Os crimes deste esixen vinganza (2 Sam **3**, 27; **20**, 10). Ximí maldiciu a David (2 Sam **16**, 5ss); e, para librarse da súa maldición, hai que volvela en contra del (1 Re **2**, 44s). Polo contrario, a Barzilai débeselle agradecemento (2 Sam **17**, 27ss; **19**, 32).

**2**, 10 Empezan as fórmulas fixas que seguiremos atopando ao final de cada reinado.

**2**, 12 A "consolidación" vai consistir na eliminación dos inimigos que veñen de atrás e dos que tomaron partido polo rival Adonías. No v. 46 dáse por conseguida a consolidación.

**2**, 13ss O status xurídico de Abixag era o de concubina de David. Pretendela como muller era pretender o reino (2 Sam **3**, 6-8; **16**, 21ss). Batxeba quizais non o ve; pero a Salomón non se lle esconde, e fai pagar a Adonías o novo atrevemento.

**2**, 19 A nai do rei recibe do seu fillo honores de raíña-nai, primeira dama. O rei Asá quitaralle a súa avoa ese título (1 Re **15**, 13).

**2**, 26s Abiatar vai ao desterro a unha cidade na que nacerá un día Xeremías, de familia levítica. O historiador non se esquece de sinalar que se está cumprindo unha cousa anunciada (1 Sam **2**, 17ss).

ches a Arca do Señor diante de meu pai David e porque compartiches as súas aflicións.
[27]Dese xeito destituíu Salomón a Abiatar das súas funcións sacerdotais, cumpríndose con iso a palabra do Señor contra a familia de Elí, en Xiloh. [28]Chegoulle a nova a Ioab, que fora do partido de Adonías, mais non do de Abxalom, e foi buscar abeiro no santuario de Señor, agarrándose dos cornos do altar. [29]Dixéronlle ao rei Salomón que Ioab se refuxiara no santuario do Señor e que estaba alí ao pé do altar. Salomón mandou a Benaías, fillo de Iehoiadá, que fose alí e que o ferise. [30]Benaías foi ao santuario do Señor e, de parte do rei, mandou a Ioab que saíse. El negouse, dicindo que quería morrer alí. Benaías volveu onda o rei coa resposta de Ioab.
[31]Entón o rei ordenoulle: –Fai como el che dixo. Mátao e entérrao. Con iso afastarase de min e da miña familia o sangue inocente que el verteu. [32]O Señor botará ese sangue enriba da súa cabeza, pois matou dous homes máis honrados e mellores ca el, ás agachadas do meu pai David: Abner, fillo de Ner, xeneral de Israel, e Amasá fillo de Iéter, xeneral de Xudá. [33]O seu sangue caerá sobre a cabeza de Ioab e dos seus fillos, para sempre. E, polo contrario, a paz do Señor estará sempre con David e cos seus fillos, coa súa casa e co seu trono.
[34]Benaías, fillo de Iehoiadá, foi e matou a Ioab, e enterrouno na propiedade que tiña no deserto. [35]O rei puxo a Benaías, fillo de Iehoiadá, no posto de Ioab, á fronte do exército, e o sacerdote Sadoc no posto de Abiatar.

### Ximí

[36]Despois o rei mandou chamar a Ximí e ordenoulle: –Fai casa en Xerusalén, habita nela e non saias de alí para lado ningún. [37]O día en que saias e cruces o torrente Cedrón, fai conta de que morrerás. Ti só serás responsable.
[38]Ximí respondeulle: –Está ben. O teu servo fará o que di o rei, meu señor.
E Ximí estableceuse en Xerusalén por moito tempo. [39]A volta de tres anos, escapáronlle a Ximí dous escravos, e foron ao territorio de Aquix, fillo de Macah, rei de Gat. E dixéronlle a Ximí: –Os teus escravos atópanse en Gat.
[40]Ximí aparellou o burro e foi a Gat, na procura dos seus escravos. Chegado a Gat, tróuxoos consigo de volta. [41]Dixéronlle a Salomón que Ximí saíra de Xerusalén para Gat e que volvera. [42]O rei mandouno chamar, para lle dicir: –Non che fixen xurar polo Señor e non che advertín que o día en que saíses e andases dun lado para outro, morrerías? Ti dixéchesme que estaba ben e que o farías. [43]Por que non cumpriches o xuramento do Señor e a orde que eu che dei? [44]E o rei engadiu: –Ti sabes o dano que lle fixeches ao meu pai David. Na túa conciencia tes que recoñecelo. Que o Señor faga caer agora a túa maldade enriba da túa cabeza. [45]Pero que o rei Salomón sexa bendito e que o trono de David se vexa afincado para sempre, na presenza do Señor.
[46]E daquela o rei mandou a Benaías, fillo de Iehoiadá, que o matase. E el foi e feriu de morte a Ximí. E o reino quedou consolidado nas mans de Salomón.

### A sabedoría de Salomón. Soño en Gabaón

**3** [1]Salomón emparentou co faraón, rei de Exipto, casando coa súa filla. Levouna á cidade de David, mentres acababa de construír o seu palacio, o templo do Señor e os muros de Xerusalén. [2]O pobo ofrecía sacrificios nos altares dos outeiros, pois daquela aínda no se construíra o templo para o nome do Señor. [3]Salomón amaba o Señor, seguindo as normas de seu pai David. Pero ofrecía sacrificios e queimaba incenso nos altares dos

**2**, 28 A ruín conciencia leva a Ioab a buscar asilo sacro; pero non hai asilo para os culpables (Éx **21**, 14). Salomón bota fóra da conta da súa familia as mortes causadas por Ioab (v. 33).
**2**, 35 Entre os novos cargos está o sacerdocio de Sadoc, que funda o sacerdocio sadoquita de Xerusalén. Proviña el do sacerdocio iebuseo da cidade? (Xén **14**, 18-20; Sal **110**, 4).
**2**, 36ss Tamén a morte de Ximí debe afastar da familia de Salomón o mal da culpa que el levaba consigo. Pasar o Cedrón supón entrar na súa tribo (Benxamín), para, se cadra, conspirar outra vez.
**3** A sabedoría é unha das notas polas que a posteridade distinguiu a Salomón. En conformidade con iso atribuíulle unha boa parte da literatura poética e sapiencial (Pr, Ecl, Ct, Sab). A sabedoría de Salomón ten moitas caras: artesanal, xudicial, de goberno, de erudición, de agudeza, e, tamén, don de Deus.
**3**, 1 O parentesco co faraón é un acerto do gobernante. O faraón tiña aínda naquel mundo sona de poderoso. O dote que o faraón dá á súa filla é a cidade de Guézer (1 Re **9**, 16). A cidade de David é a primitiva Xerusalén, conquistada por el (2 Sam **5**, 9).
**3**, 2ss *Gabaón* (el-lib), ao N de Xerusalén, era un outeiro cun santuario importante, onde quizais estivo a Arca da Alianza (1 Cro **16**, 39; 2 Cro **1**, 3). Tanto as Crónicas coma o Libro dos Reis tratan de xustificar que Salomón ofrecese alí sacrificios. O soño do rei é unha nova lexitimación do seu reinado e mais da promesa davídica. Os soños seguen tendo valor revelador, coma no estrato E do Pentateuco. A sabedoría é o principio das moitas cousas novas que o rei fixo.

outeiros. [4]O rei foi a Gabaón, para ofrecer alí
sacrificios, pois aquel era o outeiro princi-
pal. Encima do seu altar ofreceu Salomón un
milleiro de holocaustos. [5]En Gabaón apare-
céuselle Deus a Salomón, no soño da noite, e
díxolle: –Pídeme o que queiras.

[6]Salomón respondeulle: –Ti trataches con
moita bondade o teu servo David, meu pai;
e el portouse diante de ti con lealdade, con
xustiza e con rectitude de corazón. Ti conser-
váchesslle o teu favor, concedéndolle un fillo,
que hoxe senta no seu trono. [7]Agora, Señor,
meu Deus, que fixeches que o teu servo rei-
nase despois de meu pai David, sendo eu un
rapaz pequeno, que non sabe nin conducirse.
[8]O teu servo atópase no medio deste pobo es-
collido por ti, un pobo grande e numeroso,
que non se pode contar nin estimar. [9]Concé-
delle, pois, ao teu servo un corazón conside-
rado, que saiba gobernar ben o teu pobo e
distinguir o ben e o mal. Quen, se non, pode-
ría gobernar este pobo tan grande?

[10]Ao Señor pareceulle ben que Salomón
pedise aquilo. [11]E díxolle: –Xa que pediches
isto e non pediches para ti mesmo vida lon-
ga, nin riquezas, nin a vida dos teus inimigos,
senón que pediches acerto para ben gober-
nar, [12]vouche conceder o que pediches: unha
mente sabia e intelixente, como non a houbo
antes de ti nin a haberá tampouco despois. [13]E
dareiche tamén o que non pediches: riqueza e
gloria, como non as tivo rei ningún. [14]Se vas
polos meus camiños e gardas os meus pre-
ceptos e os meus mandamentos, como fixo
teu pai David, dareiche unha longa vida.

[15]Espertou Salomón e viu que tivera un
soño. Volveu para Xerusalén e presentouse
diante da Arca da Alianza do Señor. Ofreceu
holocaustos e sacrificios de comuñón, e con-
vidou todos os seus servidores ao banquete.

### Sabedoría xudicial

[16]Daquela viñeron dúas prostitutas e pre-
sentáronse diante do rei. [17]Unha delas con-
toulle isto: –Escoita, meu señor; eu e mais
esta muller vivimos xuntas nunha casa. E es-
tando as dúas no mesmo cuarto eu dei a luz.
[18]Ao terceiro día de eu parir, pariu tamén esta
muller. Estabamos xuntas as dúas e na casa
non había ninguén máis, fóra de nós as dúas.
[19]Unha noite morreu o fillo desta muller, por-
que ela se recostou enriba del. [20]No medio da
noite ergueuse e colleu o meu fillo de onda
min; namentres durmía a túa serva, deitouno
no colo dela e deitou o morto no meu. [21]Can-
do me erguín, pola mañá, para lle dar o peito
ao meu fillo, decateime de que estaba morto.
Á luz do día mirei ben, e vin que aquel non
era o fillo que eu parira.

[22]Nisto dixo a outra muller: –Non; o meu
fillo é o vivo, e o teu é o morto.

E a primeira insistiu: –Non; o teu fillo é o
morto; e o meu, o vivo.

E rifaban diante do rei. [23]Daquela falou o
rei: –Unha di: "O meu fillo é o que está vivo,
e o teu é o morto"; e a outra di: "Non, o teu
fillo é o morto; e o meu, o vivo". [24]E o rei
mandou: –Traédeme unha espada. E levá-
ronlle a espada ao rei. [25]Este ordenou: –Cortade
en dous o neno vivo e dádelle unha metade a
cada unha.

[26]E daquela á nai do neno vivo movéuselle
o corazón polo seu fillo, e dixo: –Por favor,
meu señor; que lle dean a ela o neno vivo.
Non o maten.

Pero a outra dicía: –Nin para min nin para
ti. Que o dividan.

[27]Niso dixo o rei: –Dádelle á primeira o
neno vivo. Esa é súa nai.

[28]Israel todo coñeceu a sentencia de Sa-
lomón, e colléronlle moito respecto, vendo
que Deus lle dera sabedoría para administrar
xustiza.

### Goberno e administración do reino

**4** [1]O reino de Salomón estendíase por todo
Israel. [2]Estes eran os seus ministros: Aza-
rías, fillo de Sadoc, era o sacerdote; [3]Elihoref
e Ahías, fillos de Xixá, os secretarios; Iehoxa-
fat, fillo de Ahilud, o cronista; [4]Benaías, fillo
de Iehoiadá, o xefe do exército; Sadoc e Abia-
tar, os sacerdotes; [5]Azarías, fillo de Natán,
xefe dos gobernadores; Zabud, fillo de Natán,
conselleiro privado do rei; [6]Ahixar, mordomo
do palacio; e Adoniram, fillo de Abdá, encar-
gado do alistamento dos traballadores.

[7]Salomón tiña doce gobernadores en todo
Israel. Estaban encargados do abastecemento

**3**, 6-9 Esta oración fala ás claras pola escola deuteronomista. Sabedoría é, neste momento, discernimento entre o ben e o mal, para gobernar o pobo de Deus.
**3**, 16-28 Caso de sabedoría xudicial. A sagacidade, como fío de espada, fai saír fóra a verdade e o dereito.
**4** Salomón organizou o reino que David conquistara.
**4**, 1-6 Algúns destes ministros do reino de Salomón fóra-no xa con David (2 Sam **8**, 16-18; **20**, 23-26).
**4**, 5 *Conselleiro privado* é o que comporta o título de «amigo do rei» (2 Sam **15**, 37).
**4**, 7-19 Lista dos gobernadores dos distritos. O número doce é o das tribos; pero agora non se trata dunha división tribal, senón territorial, que non corresponde coa primeira. Na confederación o número doce tiña quizais que ver co servizo cúltico por meses; agora, coas prestacións para soster a monarquía.

do rei e do seu palacio, cada un nun mes do ano. [8]Estes eran os seus nomes:

Ben-Hur, na montaña de Efraím;

[9]Ben-Déquer, en Macás, Xaalbim, Bet-Xémex e Elón-Bet-Hanán;

[10]Ben-Hésed, en Arubot; e pertencíalle tamén Socoh e a terra de Héfer;

[11]Ben-Abinadab, en toda a veiga de Dor; estaba casado con Tafat, filla de Salomón;

[12]Baná, fillo de Ahilud, en Tanac e Meguido, ata máis alá de Iocneam; en todo Betxeán, por debaixo de Iezrael, desde Betxeán ata Abel-Meholah ao pé de Sartán;

[13]Ben-Guéber, en Ramot de Galaad; tiña tamén as aldeas de Iair, fillo de Menaxés, situadas en Galaad, e o distrito de Argob, en Baxán; sesenta grandes cidades amuralladas, con ferrollos de bronce;

[14]Ahinadab, fillo de Idó, en Mahanaim;

[15]Ahimaas, en Naftalí; este casara con Basmat, filla de Salomón;

[16]Baná, fillo de Huxai, en Axer e en Alot;

[17]Iehoxafat, fillo de Parúah, en Isacar;

[18]Ximí, fillo de Elá, en Benxamín;

[19]Guéber, fillo de Urí, no país de Galaad, no país de Sihón, o rei amorreo, e no de Og, rei de Baxán.

Había tamén un gobernador no país de Xudá.

[20]Xudeus e israelitas eran tan numerosos coma a area do mar. Tiñan abondo que comer e que beber e vivían contentos.

### Poder e sabedoría

**5** [1]Salomón tiña poder sobre todos os reinos que van desde o río Éufrates ata o país dos filisteos e as fronteiras de Exipto. Pagábanlle tributos e sometéronse todos a el ao longo da súa vida. [2]As provisións de Salomón eran para cada día trinta cargas de flor de fariña e setenta de fariña corrente, [3]dez bois cebados, vinte becerros e cen ovellas; e, por outra parte, veados, corzos, parrulos e capóns.

[4]Salomón tiña poder sobre as terras de máis alá do río Éufrates, desde Tifsah ata Gaza, e sobre todos os reinos desta beira do mesmo río. Estivo en paz con todos os veciños do redor. [5]Nos días de Salomón, Xudá e Israel vivían tranquilos, cada un debaixo da súa parra e da súa figueira, desde Dan ata Beerxeba.

[6]Salomón tiña cortes para corenta mil cabalos de tiro e doce mil de montura. [7]Os gobernadores, un por mes, cubrían as necesidades de Salomón e dos que comían á súa mesa, sen que lles faltase cousa ningunha. [8]Cada un pola súa vez subministraba tamén orxo e palla para os cabalos de tiro e de montura.

[9]Deus concedeulle a Salomón sabedoría e moito entendemento e unha mente tan aberta coma as praias da beiramar. [10]Avantaxaba en sabedoría os sabios de Oriente e os de Exipto. [11]Era o máis sabio dos homes, máis ca Étan o indíxena e máis ca Hemán, Calcol e Dardá, fillos de Mahol. A súa sona estendíase polas nacións do redor. [12]Formulou tres mil sentenzas e compuxo mil cinco cancións. [13]Disertou sobre as árbores, desde o cedro do Líbano ata a herba sagrada que medra nas paredes, acerca dos animais e das aves, dos réptiles e dos peixes. [14]De todos os pobos viña xente para escoitar o sabio Salomón, de todos os reinos da terra onde chegara a sona de súa sabedoría.

### Pacto con Hiram e provisións para o templo

[15]Cando Hiram, rei de Tiro, recibiu a nova de que Salomón fora unxido rei no posto do pai, mandoulle os seus embaixadores, pois Hiram fora sempre amigo de David.

[16]Salomón, pola súa parte, mandoulle a Hiram esta embaixada: [17]"Ti sabes que meu pai David non lle puido edificar un templo ao Señor, o seu Deus, por causa das guerras que o envolveron, mentres Deus non puxo os seus inimigos debaixo dos seus pés. [18]Agora

**4**, 19 Xudá quedaba fóra do réxime fiscal de prestacións dos doce distritos. Pode que iso fose unha das razóns das queixas de Israel contra a casa de David.

**5**, 1-8 Poder, riqueza, abundancia. Os LXX coñecen o texto noutra orde máis lóxica: vv. 7-8. 2-4. 9-14, sen 5-6.

**5**, 1 *O río Éufrates* (o texto di só "o río") e as fronteiras de Exipto foron os límites máximos do reino davídico-salomónico.

**5**, 5 A "paz salomónica" foi posible pola inactividade nese momento dos imperios do Nilo e do Éufrates. Ao final do seu reinado, o reino empeza a derrubarse.

**5**, 6 Salomón introduciu a cabalería en Israel (1 Re **9**, 19; **10**, 26. 28s). A crítica do Dt **17**, 16 refírese a el. Pola arqueoloxía coñecemos os currais de cabalos en Meguido.

**5**, 9-12 A sabedoría de Salomón, primeiro de goberno e xudicial, é agora de mente aberta e esperta, coñecemento de cousas (ciencia), capacidade de formulación poética en proverbios e en sentencias (Pr **10**, 1; **25**, 1). Israel soubo admirar os sabios orientais e deu acollida aos seus ensinos (Pr **30**, 1; **31**, 1); aquí e nos títulos dalgúns Salmos recorren nomes de sabios cananeos.

**5**, 15ss As obras que emprende Salomón requiren o que el non ten en materiais e en técnicos. Serán os fenicios os que enchan ese oco.

5, 15 *Hiram*, rei de Tiro e de Sidón, ou dos fenicios, tivera xa tratos con David (2 Sam **5**, 11).

**5**, 17 David tiña as mans sucias de sangue, e por iso non puido construír o templo do Señor (1 Cro **22**, 8s; **28**, 2s).

o Señor meu Deus deume paz polos arredores, e non teño inimigos nin outras calamidades. [19]Por iso estou proxectando edificar un templo no nome do Señor meu Deus, conforme o Señor lle dixera a meu pai David: "O fillo que che darei para que te suceda no teu trono, el será quen edifique un templo no meu nome". [20]Agora, pois, manda que corten para min cedros do Líbano. Os meus servos irán cos teus, e eu pagareilles o xornal que ti me digas. Ti sabes que entre nós non hai quen saiba, coma os fenicios, tronzar árbores".

[21]En oíndo Hiram a mensaxe de Salomón, folgouse moito e exclamou: –Bendito sexa hoxe o Señor, que lle deu a David un fillo sabio, para gobernar este gran pobo. [22]E Hiram mandou dicir a Salomón: "Acepto a túa petición. Compracereite como desexas, no tocante á madeira de cedro e de ciprés. [23]Os meus servos baixarán a madeira desde o Líbano ao mar. De alí levarana logo en balsas ata o lugar que ti sinales. Alí desfaremos as balsas, e ti faraste cargo. Pola túa parte, ti cumprirás o meu anhelo, se abasteces a miña casa".

[24]Hiram deulle a Salomón toda a madeira que quixo de cedro e de ciprés. [25]E Salomón deulle a Hiram, para sustento da súa casa, vinte mil cargas de trigo e vinte mil medidas de aceite puro de oliveira. Iso era o que Salomón lle daba cada ano a Hiram. [26]O Señor concedeulle a Salomón sabedoría segundo a promesa. Entre Hiram e Salomón había paz, e fixeron un pacto entre os dous.

[27]O rei Salomón recrutou traballadores por todo Israel, unha leva de trinta mil homes. [28]Mandounos ao Líbano en quendas de dez mil cada mes. Un mes estaban no Líbano e dous nas súas casas. Adoniram era o xefe da leva dos traballadores. [29]Por outra parte, Salomón tiña setenta mil homes dedicados ao carrexo, e oitenta mil canteiros na montaña, [30]ademais dos capataces das obras, que eran tres mil trescentos; estes mandaban na xente que facía os traballos. [31]O rei mandou que extraesen pedras grandes, escolleitas, pedras de cantería, para os fundamentos do templo. [32]Os obreiros de Salomón, os de Hiram e os guiblitas labraban a madeira e preparaban a pedra para a obra do templo.

### Construción do templo

**6** [1]O ano catrocentos oitenta da saída dos israelitas de Exipto, no mes de *Ziv*, que é o segundo do ano, no mes cuarto do reinado de Salomón en Israel, empezou a construírse o templo do Señor. [2]O templo que o rei Salomón construía en honor do Señor, medía trinta metros de lonxitude, dez de anchura e quince de altura. [3]O pórtico que había diante da nave do santuario tiña dez metros de lonxitude, no sentido da anchura do santuario, e cinco de fondo, ata a parede do templo. [4]No templo fixo fiestras, con marcos e con reixas.

[5]Pegado ao muro do templo, arredor do santuario e do santísimo, construíu un anexo, con andares arredor. [6]O piso baixo medía dous metros e medio de anchura, o do medio medía tres, e o terceiro tres metros e medio de anchura. Arredor do templo, por afora, fixera canzorros, para que as trabes non entrasen nos mesmos muros do templo.

[7]Na construción do templo empregáronse pedras labradas na canteira, de xeito que, na hora do traballo, non se oían martelos, machetas nin outras ferramentas. [8]A entrada do piso baixo estaba á dereita do templo. Por unha esqueira de caracol subíase ao andar do medio, e desde este ao terceiro.

[9]Cando o templo quedou construído, Salomón recubriuno cun artesoado de madeira de cedro. [10]O anexo que construíra arredor do templo tiña dous metros e medio de altura, e estaba ligado por trabes de cedro ao templo mesmo.

**5**, 19 *O templo*, primeiro rexeitado (2 Sam **7**, 4-7), fora despois lexitimado pola profecía de Natán (2 Sam **7**, 13).
**5**, 27 O recrutamento para traballo sen pago impúxollelo David aos prisioneiros de guerra (2 Sam **12**, 31). En 1 Re **9**, 20-22 parece que obriga só aos cananeos, sometidos por Israel. Pero na pasaxe que agora lemos impónselles aos israelitas, quizais xustificado como imposto sobre a terra. Foi unha das razóns da división do reino salomónico (1 Re **11**, 28; **12**, 4. 11).
**6** O templo é o tema preferido do autor da historia de Salomón. Máis aínda, é o centro de referencia da historia deuteronómica dos Reis. Con todo e iso, cos seus datos sobre medidas, materiais e obxectos, o autor non nos dá unha idea clara del. Un paralelo en 2 Cro **2-4**.
**6**, 1 A data é o sinal da importancia da obra. A data dos 480 anos da saída dos israelitas de Exipto, está no medio da historia entre o éxodo e a volta de Zerubabel cos desterrados de Babilonia (no medio dos dous éxodos). O número 480 é artificial: 40 (un período) por 12 (o número das tribos). Deus asenta no templo, co pobo que asentou na súa terra. A volta do desterro babilónico estará o segundo templo, para sinalar a morada de Deus no medio do seu pobo.
**6**, 2s O templo non era de grandes proporcións; ao lado do palacio real era pequeno: a capela do rei. Compúñase de tres partes: un pórtico ("ulam"), unha nave na que se ofrecía o culto ("hekal"), e o santísimo ("debir"), no fondo máis escondido, onde se gardaba a Arca da Alianza. Levaba anexo un edificio de tres pisos. O templo por fóra era de pedra de cantería, e por dentro ía revestido de madeira.

[11]Daquela, Deus faloulle a Salomón:
[12]—Por este templo
que me estás construíndo,
se camiñas conforme os meus mandatos
e cumpres as miñas decisións,
se gardas os meus preceptos
e te guías por eles,
eu mantereiche a promesa
que lle fixen a teu pai David.
[13]Habitarei no medio dos israelitas
e non abandonarei
este meu pobo de Israel.

### Os complementos do templo

[14]Cando Salomón acabou de construír o templo, [15]revestiu os muros por dentro de táboas de cedro, desde o pavimento ata o teito; revestiu de madeira todo o seu interior e pisouno de táboas de ciprés. [16]Revestiu de táboas de cedro os dez metros de fondo, desde o pavimento ao teito, e dedicou esta parte a santuario ou santísimo. [17]Os outros vinte metros diante del constituían o santuario. [18]O cedro do interior do santuario estaba enfeitado de grilandas de flores abertas. Era todo de cedro e a pedra non se vía.

[19]O santuario, no fondo interior do templo, estaba preparado para colocar alí a Arca da Alianza do Señor. [20]O santuario tiña dez metros de longo, dez de ancho e dez de alto. Salomón revestiuno de ouro puro. O altar revestiuno de cedro. [21]Revestiu tamén de ouro puro o interior do templo; puxo cadeas de ouro diante do santuario e recubriu este de ouro. [22]De ouro revestiu o templo todo, desde a cima ata o fondo; e tamén o altar, diante do santuario.

[23]Para o santuario fixo Salomón dous querubíns, de madeira de oliveira, de cinco metros de altura. [24]A á dun querubín medía dous metros e medio, e dous metros e medio a outra, de xeito que do cabo dunha ao cabo da outra había cinco metros. [25]O outro querubín medía igualmente cinco metros. Os dous tiñan o mesmo grandor e a mesma feitura. [26]Tanto un coma o outro medían cinco metros de altura.

[27]Salomón puxo os querubíns dentro do santuario, coas ás estendidas, de xeito que unha daba nun muro e a outra no muro oposto. As outras dúas ás tocábanse entre elas, no medio do recinto. [28]Os querubíns estaban revestidos de ouro.

[29]Sobre as paredes do templo, por toda a volta, fixo gravar por dentro e por fóra, baixorrelevos de querubíns, de palmeiras e de grilandas de flores. [30]O lousado do templo, tanto na parte interior coma na exterior, recubriuno tamén de ouro. [31]Para a entrada do santuario fixo portas de madeira de oliveira, con ucheiras de cinco arestas. [32]Nas dúas follas das portas de oliveira fixo gravar baixorrelevos de querubíns, de palmeiras e de grilandas de flores, e recubriunas de ouro, ben axustado ás entalladuras.

[33]Para a entrada do santuario fixo ucheiras de oliveira, con catro arestas [34]e con dúas portas de madeira de ciprés, cada unha con dúas follas xiratorias. [35]Esculpiu nelas querubíns, palmeiras e grilandas de flores, e recubriunas de ouro, axustado ás entalladuras. [36]Construíu o adro interior, con tres ringleiras de pedras talladas e unha de trabes de cedro.

[37]No mes de *Ziv* do ano cuarto do seu reinado, puxo Salomón os cimentos do templo do Señor, [38]e no mes de *Bul*, que é o oitavo, do ano once do reinado, quedou rematado en todas as súas partes, conforme o seu proxecto. Construíu todo en sete anos.

### Construción do palacio real

**7** [1]En canto ao palacio real, Salomón empregou para construílo trece anos. [2]Edificou primeiro o "Bosque do Líbano", unha sala que medía cincuenta metros de lonxitude, vinte e cinco de anchura e quince de alto, sobre catro ringleiras de columnas de cedro, que sostiñan trabes de cedro. [3]Por riba das trabes que se apoiaban nas columnas (en total, corenta e cinco, quince por cada fiada), había un teito de cedro. [4]Levaba tres ringleiras de fiestras, que se correspondían de tres en tres unhas coas outras. [5]Todas as portas e fiestras levaban marcos rectangulares. As fiestras correspondíanse nas tres ringleiras entre elas.

**6**, 11-13 Oráculo divino de aceptación do templo. Deus estará co pobo que se queira facer pobo de Deus.
**6**, 23 *Os querubíns* eran animais alados, copia dos xenios gardiáns dos grandes palacios de Mesopotamia (Xén **3**, 24; Ez **28**, 14-16). A súa función parece que se inspiraba na idea fenicia de asento. O Señor "aséntase sobre os querubíns" (1 Sam **4**, 4; 2 Re **19**, 15; Sal **80**, 2).
**6**, 37s O ano, que comeza na primavera, ten por segundo mes Ziv, o mes das flores, e por oitavo Bul, o mes das chuvias, no outono. Son nomes cananeos.
**7** O palacio real non reclama tanta atención coma o templo. O narrador recorda poucos datos e vólvese ao templo.
**7**, 2 *O Bosque do Líbano* era un cuarto grande, de columnas de cedro en tres ringleiras. Facía de armería e de lugar da garda (1 Re **10**, 17; Is **22**, 8), e daba paso para as outras dependencias.

6Salomón construíu un pórtico de columnas, de vinte e cinco metros de lonxitude e quince de anchura, e diante del outro pórtico de columnas cunha cubrición. 7Fixo tamén o pórtico do trono, onde administraba xustiza, a aula xudicial, e recubriuna de madeira de cedro, do pavimento ata o teito. 8A súa residencia construíuna no mesmo patio do pórtico, e era da súa mesma feitura. Da mesma feitura era tamén a casa que construíu para a filla do faraón, coa que casara.

9Estaba todo construído con pedras escolleitas, labradas á medida, serradas por dentro e por fóra, desde os cimentos ata a cimeira, desde fóra ata o grande adro. 10Os cimentos era de grandes pezas de pedra escolleita, de cinco por catro metros, 11e por riba tamén de pedras escolleitas, talladas á medida, e de madeira de cedro. 12O grande adro levaba arredor tres ringleiras de trabes de cedro, coma o adro interior do templo e o seu pórtico.

### Obxectos de bronce para o templo

13O rei Salomón mandou vir de Tiro a Hiram. 14Este era fillo dunha muller viúva, da tribo de Naftalí, e dun home de Tiro. Traballaba o bronce e estaba dotado de gran coñecemento, pericia e habilidade para facer traballos en bronce. Veu onda o rei Salomón para realizar os seus encargos.

15Fundiu dúas columnas de bronce, de nove metros de alto e de seis metros de contorno medidos coa corda. 16Para rematar as columnas fixo dous capiteis de bronce fundido, de dous metros e medio de alto cada un deles. 17Para os capiteis que remataban as columnas fixo trenzados en forma de cadeas, sete para cada capitel.

18Despois fixo dúas ringleiras de milgrandas, arredor de cada trenzado, para cubrir os capiteis que remataban as dúas columnas. 19Os capiteis que remataban as columnas do pórtico tiñan forma de lirio, e medían dous metros. 20Por riba da moldura, que sobresaía do trenzado, tiñan duascentas milgrandas en ringleira arredor de cada capitel.

21Hiram asentou as columnas no pórtico do templo. Primeiro asentou a dereita, e púxolle o nome de Firme; despois asentou a esquerda e deulle o nome de Forte. 22Os remates das columnas tiñan forma de lirio. Con iso quedou rematada a obra das columnas.

23Fixo despois Hiram o "mar" de bronce, un depósito redondo, de cinco metros de diámetro, de dous e medio de alto e de quince de contorno, medidos coa corda. 24Por debaixo do bordo, por todo o redor, o depósito tiña botóns gravados, cinco por cada metro. Estaban dispostos en dúas ringleiras, e foran fundidos co "mar", facendo con el unha peza.

25O "mar" de bronce estaba asentado enriba de doce bois. Tres deles miraban para o norte, tres para o occidente, tres para o sur e tres para o nacente; enriba deles ía o depósito. Os cadrís dos bois quedaban todos cara a dentro. 26O "mar" de bronce tiña unha cuarta de grosor; o seu bordo semellaba o dunha copa, coa forma de flor de lirio; a súa capacidade era de oitenta mil litros.

27Hiram fixo tamén dez bases de bronce, cada unha de dous metros de lonxitude, dous de anchura e un e medio de alto. 28Tiñan a seguinte forma: levaban entrepanos encadrados en molduras; 29nos entrepanos entre as molduras había leóns, bois e querubíns; nas molduras, por riba e por baixo dos leóns e dos bois, ían grilandas de flores.

30Cada base levaba catro rodas de bronce, con eixes tamén de bronce. Nos catro recantos levaba resaltes fundidos, que sostiñan a pía sobresaíndo das grilandas. 31As bases tiñan por dentro, na parte superior, unha boca de medio metro; era redonda e tiña un remate de setenta e cinco centímetros. Arredor da boca levaba uns gravados, en entrepanos cadrados, non redondos.

32As catro rodas estaban debaixo dos entrepanos e os eixes fixos nas bases. Cada roda medía de diámetro setenta e cinco centímetros. 33A súa forma era coma a da roda dun carro. Os seus eixes, as cinchas, os radios e os cubos eran todos de metal fundido. 34Os catro resaltes sobre os recantos da base formaban un corpo con ela.

35A base remataba nunha peza circular de vinte e cinco centímetros de alto; os seus resaltes e entrepanos formaban un corpo con ela. 36Nos entrepanos gravou Hiram querubíns, leóns e palmeiras, segundo o espazo, con grilandas arredor. 37Deste xeito ficaron acabadas as dez bases de metal fundido, to-

7, 7s *No pórtico* estaba o trono (1 Re **10**, 18-20), e alí administraba o rei xustiza.
**7**, 13ss *Hiram* é o único artesán do templo do que nos chegou o nome, coma o nome de Besalel no caso do tabernáculo do deserto (Éx **31**, 2; **35**, 30s). Algunhas das cousas que o relato di que fixo en bronce, non podemos identificalas.
**7**, 21 Os nomes das columnas *Iakín e Boaz*, poden traducirse neses termos, seguindo a etimoloxía das palabras. Non sabemos cal era a función desas dúas columnas libres na dianteira do templo.

das de mesma feitura, das mesmas dimensións e co mesmo debuxo.
38Fixo despois Hiram dez pías de metal fundido, unha para cada base, de cento sesenta litros de capacidade cada unha delas. 39Colocou cinco bases na banda dereita do templo e cinco na banda esquerda. O "mar" de bronce situouno na banda dereita do templo, ao sueste.
40Hiram fixo tamén cinseiros, pas e hisopos. E con iso rematou o que Salomón lle encomendara facer para o templo de Señor. 41Foron dúas columnas, dous capiteis redondos, que remataban as columnas, dúas grilandas para recubrilos, 42catrocentas milgrandas para as dúas grilandas, dúas ringleiras de milgrandas en cada unha das grilandas; 43as dez bases e mais as dez pías enriba delas; 44o "mar" de bronce cos doce bois debaixo del; 45os cinseiros, as pas e os hisopos.
Todos os obxectos que o rei Salomón lle encargara a Hiram eran de bronce fundido. 46O rei fixoos fundir en moldes de arxila, no val do Xordán, entre Sucot e Sartán. 47Salomón fixo poñer cada obxecto no seu sitio. Eran tantos, que non se puido botar a conta do que pesaba o seu bronce.
48Salomón mandou facer aínda outros obxectos para o templo do Señor: o altar de ouro, a mesa de ouro para poñer enriba dela os pans da proposición; 49os candelabros de ouro puro, cinco á dereita e cinco á esquerda, diante do santuario; e, por outra parte, as flores, as lámpadas e as pinzas de ouro, 50as culleres, os coitelos, as cuncas, as copas e os braseiros de ouro puro; os gonzos de ouro para as portas do santísimo, e para as do santuario.
51Cando o que encargara o rei Salomón para o templo do Señor estivo todo acabado, o rei fixo traer as cousas que consagrara o seu pai David, prata, ouro e obxectos, e depositou todo no templo do Señor.

### Dedicación do templo

**8** 1Salomón convocou en Xerusalén todos os anciáns de Israel, os xefes de tribo e os cabezas de familia dos israelitas, para traer a Arca da Alianza do Señor da cidade de David, que é Sión. 2No mes de *Etanim*, o sétimo do ano, pola festa das Cabanas, reuníronse, pois, con Salomón todos os israelitas. 3Chegados todos os anciáns de Israel, os sacerdotes colleron a Arca e levárona. 4Os sacerdotes e os levitas levaban tamén a Tenda do Encontro, con todos os obxectos sacros que había nela. 5O rei Salomón e toda a asemblea de Israel, congregada arredor del, diante da Arca, ofreceron sacrificios de ovellas e de bois en gran cantidade. 6Despois os sacerdotes puxeron a Arca da Alianza do Señor no seu lugar, no interior do templo, o santísimo, baixo as ás dos querubíns.
7Os querubíns estendían as súas ás por riba da Arca, e cubrían a Arca e mais os seus varais. 8Os varais eran tan longos, que se lles vían os extremos desde o santuario, diante do santísimo, pero non se vían desde fóra: aínda están alí hoxe.
9Na Arca non había cousa fóra das dúas táboas de pedra que puxera alí Moisés, no monte Horeb, cando o Señor acordou cos israelitas a Alianza, logo de saíren de Exipto.
10Ao tempo que os sacerdotes saían do santuario, a nube enchía o templo do Señor, 11de xeito que non podían os sacerdotes seguir facendo o servizo, por cousa dela: a gloria do Señor enchía o templo.

### Proclama de Salomón

12Entón dixo Salomón:
—O Señor que puxo o sol no ceo,
quixo habitar na escuridade.
13Eu construínche unha casa,
onde habites para sempre,
que sexa o lugar da túa morada.
14Despois volveuse o rei cara á asemblea de Israel, toda en pé, e bendiciuna. 15Dixo:
—Bendito sexa o Señor, Deus de Israel,
que deu cumprimento coa súa man
ao que coa súa boca lle prometera
a meu pai David, cando lle dixo:

**8** A dedicación do templo festexa a entrada de Deus na súa morada, para estar alí no medio do seu pobo. O símbolo da súa presenza é a Arca e logo a nube (fume), á vista do pobo que vai alí ao seu encontro (2 Cro **5**, 2-20). A festa componse de ritos e de palabras: procesión coa Arca e sacrificios, proclama de Salomón, oración e bendición para o pobo. A dedicación do templo celebrouse na festa das Cabanas, na que se facía a memoria da marcha polo deserto (Lev **23**, 33-36). Etanim era o nome cananeo do sétimo mes, entre o verán e o outono.
**8**, 3s A Arca é conducida ao novo templo desde a cidade de David (2 Sam **6**). A Tenda da Reunión ou do Encontro era o lugar no que se gardaba antes a Arca (Éx **25**, 22; 1 Re **1**, 39).
**8**, 8 *Os varais* metíanse en argolas presas á Arca, e que servían para trasladala, coma un pequeno santuario (Éx **25**, 12-15; 1 Sam **4**, 3s).
**8**, 10 *A nube*, símbolo da presenza de Deus no deserto (Éx **13**, 22; **19**, 16; **33**, 9), era representada no culto polo fume do incenso.
**8**, 12 *A escuridade* do templo, coma a da nube, sinala e esconde a Deus, ao mesmo tempo.
**8**, 15-21 Na teoloxía deuteronomista xúntase a elección do templo coa da dinastía de David; entre as dúas eleccións forman a teoloxía xerosolimitana. O Señor cumpre en Salomón a promesa feita a David.

16“Desde o día en que saquei de Exipto
o meu pobo Israel,
non escollín cidade ningunha,
no medio das tribos de Israel,
para edificar nela un templo,
onde habite o meu Nome,
pero escollín a David,
para que fose á fronte
do meu pobo Israel”.
17Meu pai David tivera no pensamento
construír unha casa en honra do Señor,
Deus de Israel.
18Entón díxolle o Señor:
“Ese pensamento de construír
unha casa ao meu Nome
está ben que o teñas.
19Pero non serás ti
quen me construirá esa casa;
será un fillo saído das túas entrañas
quen edificará esa casa ao meu Nome”.
20E o Señor cumpriu a promesa que fixera.
Eu sucedín o meu pai David
e estou sentado no trono de Israel,
conforme a promesa do Señor,
e construín esta casa en honra
do Señor, Deus de Israel.
21Nela fixen un sitio
para a Arca da Alianza do Señor,
a alianza que el acordara cos nosos pais,
despois de sacalos de Exipto.

**Pregaria de Salomón**

22Salomón, en pé, diante do altar do Señor,
de cara para toda a asemblea de Israel, ergueu as mans cara ao ceo 23e dixo:
–Señor, Deus de Israel,
non hai un deus coma ti,
nin arriba no ceo, nin abaixo na terra.
Ti gardas a alianza
e o amor aos teus servos,
que camiñan diante de ti
con todo o corazón.
24Ti mantivéchesslle
ao teu servo David, meu pai,
a promesa que lle fixeches.
O que coa boca lle prometiches,
cúmprelo hoxe coa túa man.
25E agora, Señor, Deus de Israel,
mantenlle ao teu servo David,
meu pai, estoutra promesa
que lle fixeches, ao dicirlle:
“Non che ha faltar,
polo que a min respecta,
un descendente, que sente
no trono de Israel,
con tal que os teus fillos sigan
como é debido os meus camiños,
e anden na miña presenza coma ti”.
26Agora, pois, Señor, Deus de Israel,
cumpre a palabra que lle deches
ao teu servo David, meu pai.
27Será verdade que Deus
fará na terra unha morada?
Se nin os ceos todos te poden acoller,
canto menos esta casa
que eu che construín.
28Mais ti, Señor, meu Deus, volve a atención á súplica e á pregaria do teu servo, escoitando o clamor e as preces que hoxe che dirixe. 29Ten abertos os ollos noite e día sobre este templo, este lugar en que dixeches que habitaría o teu Nome. Escoita a oración que che faga o teu servo, mirando cara este lugar. 30Escoita a súplica do teu servo e do teu pobo Israel, cando recen neste lugar. Escoita desde a túa morada, desde o ceo. Escoita e perdoa.

31Cando un home peque contra outro e se lle pida xuramento, se el vén a este santuario, para xurar diante do teu altar, 32escoita ti desde o ceo e fai xustiza entre os teus servos. Condena o culpable, dándolle o seu merecido, e declara xusto o inocente, conforme á súa inocencia.

33Cando o teu pobo Israel sexa vencido polos inimigos, por ter pecado contra ti, se volve cara a ti, se confesa o seu pecado, se suplica e pide a túa misericordia neste templo, 34escoita ti desde o ceo e perdoa o pecado do teu pobo Israel, e fai que retornen á terra que ti lles deras a seus pais.

35Cando os ceos se pechen e non caia a chuvia, por teren eles pecado contra ti, se eles veñen rezar a este lugar, se na aflición confesan o teu Nome e se converten do seu pecado, 36escoita ti desde o ceo e perdoa o pecado do teu pobo Israel. Ensínalles o bo vieiro por onde teñen que camiñar, e manda a chuvia sobre a terra que ti lle deches en herdo ao teu pobo.

37Cando haxa fame no país, cando haxa peste, pragas, fungos, lagostas, saltóns, ou se o inimigo cerca o teu pobo nunha das súas cidades, ou en calquera outra calamidade e

**8**, 23-27 A promesa que se cumpriu co templo construído serve de fundamento para pedir o que aínda ten que cumprirse: a perpetuidade da dinastía. A petición resoa fonda nos días do desterro.

**8**, 28-33 A oración ten forma de ladaíña: moitos temas de súplica, sempre co mesmo remate. Por veces o orante pensa no pobo desterrado (vv 46-53).

enfermidade, [38]se entón un home ou o pobo enteiro de Israel, recoñecendo o mal da súa conciencia, estende as mans cara a este templo, rezando e suplicando, [39]escoita ti desde o ceo, lugar da túa morada, e perdoa. Dálle a cada un segundo o seu merecido, ti que coñeces os corazóns, pois só ti coñeces o interior dos homes todos. [40]Con iso temerante todos os días da súa vida na terra que lles deches ti a nosos pais.

[41]Tamén o estranxeiro, que non é do teu pobo Israel, pero que veu de terras de lonxe por razón do teu Nome, [42]pois haberá moito que falar e oír sobre a grandeza do teu nome, sobre o poder da túa man o sobre a largueza do teu brazo, cando ese estranxeiro veña rezarche a este templo, [43]escoita ti desde o ceo, lugar da túa morada, e fai o que o estranxeiro che pida, para que todos os pobos do mundo coñezan o teu Nome, que te teman coma o teu pobo Israel, e saiban que o teu Nome é invocado neste templo que eu che construín.

[44]Cando o teu pobo saia á guerra contra os seus inimigos, polo camiño que ti lle sinalares, se lle reza ao Señor, cara á cidade que ti escolliches e cara ao templo que eu edifiquei na túa honra, [45]escoita ti desde os ceos a súa oración e a súa súplica e axúdao a acadar os seus dereitos.

[46]Cando eles pecaren contra ti, pois non hai home que non peque, e ti, anoxado con eles, os deixes caer nas mans dos seus inimigos, e que estes os leven cativos a unha terra apartada ou próxima, [47]se na terra da súa catividade reflexionan, se converten e desde alí rezan, dicindo: pecamos, fixemos o mal, temos a culpa; [48]se na terra dos inimigos que os levaron cativos se converten a ti, con todo o corazón e con toda a alma, e se che rezan voltos cara á terra que ti deches a seus pais, cara á cidade que ti escolliches e cara ao templo que eu che construín, [49]escoita ti desde o ceo, lugar da túa morada, a súa oración e a súa súplica, e axúdaos a acadar os seus dereitos.

[50]Perdóalle ao teu pobo os seus erros e os pecados que cometesen contra ti, e fai que teñan dó deles os que os levaron cativos, [51]pois eles son o teu pobo e o teu herdo, que ti sacaches de Exipto, do medio dun forno de ferro.

[52]Ten abertos os ollos cara á súplica do teu servo e a do teu pobo Israel, e escóitaos, cando te chamen. [53]Porque ti, Señor, escolliche-los a eles por teu herdo, entre todos os pobos da terra, segundo prometeras por medio do teu servo Moisés, cando sacaches de Exipto os nosos pais.

### Bendición para a asemblea

[54]Cando Salomón acabou de rezar esta oración e esta súplica ao Señor, levantouse de diante do altar do Señor, onde estaba axeonllado e, coas mans ergueitas cara ao ceo, [55]posto de pé, bendiciu a asemblea de Israel, dicindo con forte voz: [56]–Bendito sexa o Señor, que deu acougo ao seu pobo Israel, conforme as súas promesas. Non fallou unha soa palabra de todo o que prometera por medio do seu servo Moisés. [57]Que o Señor, noso Deus, estea connosco, como estivo cos nosos pais, que non nos abandone nin nos deixe. [58]Que vire cara a El os nosos corazóns, para que sigamos os seus camiños e gardemos os seus mandamentos, as súas leis e as súas decisións, o que lles mandou a nosos pais. [59]Que as palabras desta súplica que eu acabo de lle facer ao Señor, estean presentes perante o Señor, o noso Deus, de día e de noite, para que El faga xustiza ao seu servo e ao seu pobo Israel, segundo a necesidade de cada día. [60]Dese xeito recoñecerán os pobos todos que o Señor é o Deus verdadeiro e que non hai outro fóra del. [61]E o voso corazón estará por enteiro co Señor, noso Deus, seguindo os seus preceptos e gardando os seus mandamentos, coma hoxe.

### Sacrificios da dedicación

[62]O rei e todo Israel ofrecéronlle sacrificios ao Señor. [63]Salomón ofreceu, no seu sacrificio de comuñón en honor do Señor, vinte e dous mil bois e cento vinte mil ovellas. Así foi como o rei e todo Israel lle dedicaron o templo ao Señor. [64]Aquel mesmo día consagrou o rei o adro interior, que está diante do templo do Señor. Alí ofreceu os holocaustos, as oblacións e a graxa dos sacrificios de comuñón, pois o altar de bronce que estaba ante o Señor era pequeno de máis para que coubesen nel os holocaustos, as oblacións e a graxa dos sacrificios de comuñón.

[65]Daquela, o rei Salomón e o pobo enteiro de Israel, unha gran multitude que viñera de todo o país, desde o paso de Hamat ata o torrente de Exipto, celebraron sete días de fes-

**8**, 56-61 Bendición con grazas e con súplica.
**8**, 62-66 Ritos da dedicación (2 Sam **6**, 17-19).

**8**, 62 *O rei*, cabeza do pobo, ten por dereito propio o sacerdocio (1 Sam **13**, 9s; 2 Sam **6**, 17s; 1 Re **9**, 25; Sal **110**, 4).

ta diante do Señor. [66]No oitavo día Salomón despediu o pobo e fóronse todos para as súas casas, bendicindo o rei, contentos e ditosos, por todos os bens que lles fixera o Señor ao seu servo David e ao seu pobo Israel.

### Nova aparición de Deus

**9** [1]Cando Salomón acabou de construír o templo do Señor e o palacio real e rematou os proxectos todos que fixera, [2]aparecéuselle de novo o Señor, coma en Gabaón, [3]e díxolle: –Oín a túa oración e a súplica que me fixeches, polo que santifico este templo que ti edificaches, para que nel more para sempre o meu Nome. Nel terei sempre postos os meus ollos e o meu corazón. [4]En canto a ti, se camiñas na miña presenza, como fixo teu pai David, con recto e sinxelo corazón, facendo o que che mando, gardando as miñas normas e as miñas decisións, [5]eu farei firme para sempre o teu trono real sobre Israel, conforme lle prometín a teu pai David. Non che fallará un descendente que sente no trono de Israel.

[6]Pero, se vós ou os vosos fillos vos afastades de min, se non gardades os mandatos e os preceptos que eu vos dei, se ides servir deuses estraños e vos prostrades diante deles, [7]eu expulsarei a Israel da terra que lle dei, arredarei da miña vista este templo, que santifiquei para honra do meu Nome, e Israel será a chufa e a risa para todos os pobos. [8]Este templo converterase nun pardiñeiro, e os que pasen diante del pasmarán e asubiarán, e dirán: "Por que tratou deste xeito o Señor esta terra e este templo?". [9]E responderanlles: "Porque abandonaron o Señor, o seu Deus, que sacara de Exipto os seus pais, e apegáronse a deuses alleos, prostráronse diante deles e adoráronos. Por iso o Señor botou riba deles todas estas desgrazas".

### Terra de Cabul

[10]Nos vinte anos que empregou Salomón para construír as dúas casas, o templo do Señor e o palacio real, [11]Hiram, rei de Tiro, forneceu a Salomón da madeira de cedro e de ciprés e de todo o ouro que quixo. En compensación, o rei Salomón deulle a Hiram vinte cidades na rexión de Galilea. [12]Foi Hiram de Tiro ver as cidades que lle dera Salomón, e non lle gustaron. [13]Dixo: – Que clase de cidades son esas que me deches, irmán?

E chamounas Cabul, nome que levan ata hoxe. [14]Hiram mandáralle a Salomón catro mil quilos de ouro.

### Recrutamento de traballadores

[15]Agora falaremos do recrutamento de traballadores que fixo o rei Salomón para construír o templo, o palacio real, o terraplén, os muros de Xerusalén, e mais Hasor, Meguido e Guézer.

[16]O faraón, rei de Exipto, subira para apoderarse de Guézer e puxéralle lume; matara os cananeos que habitaban na cidade e déralla en dote á súa filla, muller de Salomón. [17]Salomón reconstruíu Guézer, Bet-Horón de Abaixo, [18]Balat, Tamar do deserto [19]e todas as cidades de aprovisionamento que o rei tiña, mais as cidades de carros e cabalos e canto se lle antollou construír en Xerusalén, no Líbano e en todos os seus dominios.

[20]Salomón recrutou para traballos forzados, cousa que rexe ata hoxe, toda a xente non israelita que quedara dos amorreos, dos hititas, dos pericitas, dos hivitas e dos iebuseos. [21]Os seus descendentes seguiron no país, pois os israelitas non os exterminaran.

[22]Aos israelitas non os empregou como escravos, senón como guerreiros, mordomos, xefes e oficiais, comandantes de carros e de cabalaría. [23]Os capataces que vixiaban as obras de Salomón e que tiñan o mando sobre os traballadores eran cincocentos cincuenta.

[24]Cando a filla de Salomón subiu da cidade de David ao palacio que Salomón lle construíra, foi cando el fixo edificar o terraplén.

[25]Salomón ofrecía tres veces ao ano holocaustos e sacrificios pacíficos no altar que lle construíra ao Señor. Queimaba nel pos recendentes diante do Señor. El tiña tamén a conservación do templo ao seu coidado.

**9**, 1-9 Esta nova aparición é a resposta de Deus á oración de Salomón (2 Cro **7**, 11-22). Outra vez aparecen xuntos o templo e a dinastía. Rei e pobo son responsables do porvir das dúas cousas. O pastor deuteronomista compromete nestes discursos o comportamento do seu pobo. Traballa coma un profeta, que sinala onde está o mal e que mostra o camiño que terá un porvir.

**9**, 8 O asubío, xesto de burla e de riso (Dt **28**, 37; Xer **17**, 16; **29**, 18).

**9**, 10-14 A parte doutras pagas (1 Re **5**, 20), Salomón deulle a Hiram, polas súas prestacións, unhas cidades de Galilea.

**9**, 13 *Cabul*, "coma nada", nome desa rexión de Galilea, que Hiram estima que non serve.

**9**, 15-24 Obras de Salomón en Xerusalén e noutras cidades, moitas delas pensadas para defensa militar. Sobre o recrutamento de traballadores, cf 1 Re **5**, 27 coa súa nota, con discrepancia nos datos.

**9**, 15 *O terraplén* ("millo", encher), non sabemos ben o que era. Ten que ver coas fortificacións da cidade de David, polo lado do val do Tiropeón.

### A frota de Salomón

[26]O rei Salomón construíu unha frota en Esion Guéber, preto de Elat, na beira do mar Morto, no país de Edom. [27]Hiram mandou nesa frota, cos homes de Salomón, algúns mariñeiros servos seus, xente que coñecía ben o mar. [28]Chegaron ata Ufir, de onde lle trouxeron ao rei Salomón quince mil quilos de ouro.

### A raíña de Saba

**10** [1]A raíña de Saba oíu falar do renome de Salomón, e foino poñer a proba con adiviñas. [2]Chegou a Xerusalén cun gran séquito, con camelos cargados de pos recendentes, de moitísimo ouro e de pedras preciosas. Presentouse ante o rei Salomón e propúxolle todo aquilo que traía pensado. [3]O rei Salomón respondeulle a todo. Por escura que fose, non houbo pregunta ningunha que non tivese do rei a súa resposta.

[4]Cando a raíña de Saba viu a sabedoría de Salomón, o palacio que construíra, [5]os manxares da súa mesa, os cuartos dos seus cortesáns, o porte e a roupa dos seus servidores e copeiros, e os holocaustos que ofrecía no templo do Señor, quedou admirada. [6]E díxolle ao rei: —Todo o que na miña terra oíra sobre os teus feitos e a túa sabedoría era verdade. [7]Eu non lle daba creto ao que dicían, mais ao vir e velo cos meus ollos, constato que non me contaban a metade. A túa sabedoría e as túas riquezas son maiores de canto me dixeran. [8]Ditosa a túa xente, ditosos os teus cortesáns, que están sempre contigo, aprendendo da túa sabedoría. [9]Bendito sexa o Señor, o teu Deus, que te quixo a ti no trono de Israel. Polo amor eterno que o Señor lle ten a Israel, constituíute a ti rei, para que o gobernes con xustiza e equidade.

[10]A raíña entregoulle ao rei catro mil quilos de ouro e gran cantidade de pos recendentes e de pedras preciosas. Endexamais se viran tantas coma as que lle trouxo a raíña de Saba ao rei Salomón.

### Abundancia de Salomón

[11]A frota de Hiram traíalle a Salomón ouro de Ufir. De alí traía tamén en gran cantidade madeira de sándalo e pedras preciosas. [12]Coa madeira de sándalo fixo o rei varandas para o templo do Señor e para o palacio real; e para os cantores fixo cítolas e arpas. Madeira de sándalo coma aquela nunca antes viñera, nin volvería verse ata hoxe.

[13]O rei Salomón regaloulle á raíña de Saba canto a ela se lle antollou, amais do que el lle tiña xa dado con rexia xenerosidade. Despois, a raíña de Saba deu volta e marchou co seu séquito para a súa terra.

[14]O peso do ouro que cada ano chegaba onda Salomón era de vinte e tres mil trescentos quilos, [15]a maiores dos impostos dos mercadores e dos trabucos dos traficantes, dos reis de Arabia e dos gobernadores do país.

[16]O rei Salomón mandou facer douscentos escudos de ouro batido, de seis quilos e medio de ouro cada un, [17]e outros trescentos, de quilo e medio cada un, e fíxoos gardar todos na casa do Bosque de Líbano. [18]Tamén mandou o rei que fixeran un trono de marfil e recubriuno de ouro do máis puro. [19]O trono levaba seis chanzos, un remate redondo por detrás, e brazos dun lado e do outro do asento, con dous leóns de pé onda os brazos. [20]Sobre os seis chanzos había doce leóns en pé, seis dun lado e seis do outro. Non se vira obra coma ela en ningún reino.

[21]A vaixela do rei Salomón era toda de ouro. As xoias da casa do Bosque do Líbano eran todas tamén de ouro puro. Non había nada de prata, pois nos días de Salomón non se lle daba aprecio. [22]O rei tiña no mar navíos de Tárxix, coa frota de Hiram. Cada tres anos os navíos viñan cargados de ouro, prata, marfil, macacos e pavos reais.

[23]O rei Salomón avantaxaba os reis todos da terra en riqueza e sabedoría. [24]Todo o mundo quería velo, para aprender da sabedoría que Deus lle concedera. [25]Cada un traía o seu regalo, obxectos de prata e de ouro,

**9**, 26 *Esion Guéber*, porto no brazo oriental do mar Vermello. Desde alí mantíñase o comercio do Índico, con Africa e con Arabia, onde se encontraba Ufir.

**10**, 1-10 A visita da *raíña de Sabá* (2 Cro **9**, 1-12) serve para subliñar novas aspectos da sabedoría de Salomón e da fastosidade da súa corte. Sabá estaba quizais no Iemen. Os sabios eran coñecidos como bos mercadores. A visita da raíña encadraríase nunha misión comercial. Dese extremo sur do mundo viranlle regalos e homenaxe ao rei Mesías (Is **45**, 14; **60**, 6). O v. 13 cadraría mellor neste contexto.

**10**, 11-29 O comercio e a arte de facerse con riquezas son unha cara máis da sabedoría salomónica.

**10**, 16 Eses escudos recubertos de ouro non parece que fosen para empregar no combate, senón roupa de garda dos soldados.

**10**, 22 *Navíos de Tárxix* quere dicir grandes navíos, coma os que podían facer o longo camiño de mar que leva a Tárxix (1 Re **9**, 26-28; Sal **72**, 10; Xon **1**, 3).

armas e pos recendentes, cabalos e machos. Así ano tras ano. [26]Reuniu moitos carros e cabalos. Chegou a ter mil catrocentos carros e doce mil cabalos, que puxo de gornición nas cidades de carros e en Xerusalén, cerca do rei. [27]O rei fixo abundar Xerusalén en prata, tanta coma pedras, e en tantos cedros coma figueiras da Xefelah.

[28]Os cabalos de Salomón proviñan de Exipto. Os tratantes do rei mercábanos alí ao contado. [29]Un carro traído de Exipto custaba seiscentos siclos de prata, e un cabalo cento cincuenta siclos. Iso mesmo custaban os importados polos tratantes do rei do reino hitita ou dos reinos arameos.

### Idolatría e xuízo relixioso

**11** [1]O rei Salomón, á parte da filla do faraón, amou moitas mulleres estranxeiras, moabitas, amonitas, edomitas, sidonias e hititas, [2]de nacións das que lles dixera o Señor aos israelitas: "Non vos xuntedes con elas, nin elas convosco, pois virarían o voso corazón cara aos seus deuses". Salomón namorouse delas. [3]Tivo setecentas princesas como esposas e trescentas como concubinas. As mulleres torcéronlle o sentido. [4]Cando Salomón ía xa vello, as súas mulleres levaron o seu corazón detrás de deuses alleos; non o tiña por enteiro co Señor, o seu Deus, coma o seu pai David. [5]Salomón rendeulle culto a Axtarté, deusa dos sidonios, a Malcom, ídolo dos amonitas. [6]Fixo o mal aos ollos do Señor e non lle gardou fidelidade, coma o seu pai David.

[7]Daquela construíu Salomón, no monte que está enfronte de Xerusalén, un altar a Kemox, ídolo dos moabitas, e a Moloc, ídolo dos amonitas. [8]O mesmo fixo para as outras mulleres estranxeiras, que queimaban incenso e ofrecían sacrificios aos seus deuses. [9]Anoxouse o Señor con Salomón, porque afastara o seu corazón do Señor, Deus de Israel, que se lle aparecera dúas veces, [10]e que sobre o particular lle prescribira non seguir deuses alleos. Salomón non cumpriu o que lle mandara o Señor. [11]Daquela díxolle o Señor: –Xa que te comportaches deste xeito e non gardaches a miña alianza e os preceptos que eu che dei, arrincareiche o reino da man e dareillo a un servo teu. [12]Non o farei mentres ti vivas, por amor a David, teu pai; arrincareillo ao teu fillo da súa man. [13]Non lle arrincarei o reino todo. Deixareille ao teu fillo unha tribo, polo amor de David, teu pai, e polo amor de Xerusalén que eu escollín.

### Derrubamento do reino

[14]O Señor suscitoulle un inimigo a Salomón: o edomita Hadad, da liñaxe real de Edom.

[15]Sucedeu que, cando David venceu a Edom, e foi alí o xeneral Ioab enterrar os mortos, este matou os homes todos de Edom. [16]Ioab quedara alí por seis meses co exército israelita ata que rematou o exterminio dos homes de Edom. [17]Pero Hadad puido fuxir cuns poucos homes de entre os servidores de seu pai e pasou a Exipto. Daquela Hadad era un rapaz.

[18]Saíron de Madián e chegaron a Parán. Alí colleron consigo algúns homes, pasaron a Exipto e presentáronse ao faraón, rei de Exipto, que lles deu casa, alimentos e terras. [19]Hadad caeulle en graza ao faraón, que lle deu por muller a súa cuñada, irmá da raíña Tafnes. [20]A irmá de Tafnes pariu un fillo de Hadad, Guenubat, que a mesma Tafnes criou no palacio do faraón. Por iso Guenubat medrou no palacio cos fillos do faraón.

[21]Cando, en Exipto, Hadad oíu dicir que David se reunira con seus pais e que morrera tamén Ioab, o xefe do exército, díxolle ao faraón: –Déixame ir á miña terra.

[22]O faraón respondeulle: –Que botas de menos onda min, para que queiras ir á túa terra?

El dixo: –Nada. Pero déixame que vaia.

[23]Deus suscitoulle aínda outro inimigo a Salomón: Rezón, fillo de Eliadá, que fuxira do seu señor Hadadézer, rei de Sobah. [24]Rodeouse duns poucos homes e fíxose xefe de banda. David loitaba daquela con Edom. Eles entraron en Damasco e aclamaron rei a Rezón. [25]Foi un inimigo de Israel, toda a vida de Salomón. En canto a Hadad, fíxolle todo o mal que puido a Israel e atormentouno, desde o seu reino de Edom.

**10**, 26-29 Salomón introduciu o exército de cabalaría. Mercaba cabalos e carros en varios países, e revendíaos logo a outros.

**11**, 1-13 O xuízo do deuteronomista sobre Salomón vai acusalo do pecado doutros reis contra o mandamento principal: idolatría, culto a deuses alleos. Os matrimonios de Salomón eran, en boa parte, de conveniencia política. Facíano tamén así os reis doutros pobos. Pero as mulleres estranxeiras esixían recoñecemento dos seus deuses. Por iso a lei se opuña a eses matrimonios (Éx **34**, 15s; Dt **7**, 3s). A desintegración do reino salomónico, para o historiador deuteronomista, comeza aí mesmo.

**11**, 23 O *outro inimigo* foi Rezón, que lle arrebatou Damasco á casa de David (2 Sam **8**, 6).

### Revolta de Ieroboam

[26]Tamén se rebelou contra Salomón Ieroboam, fillo de Nabat, un servo do rei, un efrateo de Seredah. Súa nai chamábase Seruah e era viúva. [27]A ocasión da súa revolta contra o rei foi cando Salomón construía o terraplén e pechaba as fendas da cidade de David, seu pai. [28]Ieroboam mostrouse home valente. E vendo Salomón que o mozo facía ben o seu traballo, nomeouno capataz dos traballadores da casa de Ioel.

[29]Un día que saía Ieroboam de Xerusalén, encontrouse no camiño co profeta Ahías de Xiloh. Este levaba unha capa nova, e estaban sos os dous no descampado. [30]Ahías botou man da capa nova que levaba e partiuna en doce partes. [31]E mandoulle a Ieroboam: –Colle dez partes para ti, pois isto di o Señor, Deus de Israel: Vou arrincar o reino da man de Salomón, e vouche dar dez tribos a ti. [32]Unha tribo será para el, por amor ao meu servo David e por amor a Xerusalén, a cidade que eu escollín entre todas as tribos de Israel. [33]Iso é porque me abandonaron a min e adoraron a Axtarté, deusa dos sidonios, a Kemox, deus de Moab, e a Malcom, deus dos amonitas, e non seguiron os meus camiños, facendo o que é xusto aos meus ollos, gardando coma o seu pai David os meus mandatos e as miñas decisións. [34]Non lle quitarei o reino todo, senón que lle manterei o principado por todos os días da súa vida, por amor ao meu servo David, a quen escollín, e que gardou a miña lei e os meus preceptos. [35]Mais arrincarei o reino das mans do seu fillo e dareiche dez tribos a ti. [36]Ao seu fillo dareille unha tribo, para que o meu servo David teña sempre unha lámpada acesa diante de min en Xerusalén, a cidade que eu escollín, para que habite nela o meu Nome. [37]A ti escóllote para que reines, conforme os teus desexos. Serás rei de Israel. [38]Se me obedeces en todo o que che mande, se vas polos meus camiños e fas o que é xusto aos meus ollos, se gardas as miñas leis e os meus mandatos, como fixo o meu servo David, eu estarei contigo, edificareiche unha casa segura, como lla edifiquei a David, e entregareiche Israel. [39]Con isto humillarei os descendentes de David; mais non será para sempre.

### Morte de Salomón

[40]Salomón tentou de matar a Ieroboam; mais este fuxiu para Exipto, ao lado do rei Xexac, e ficou por alá ata a morte de Salomón. [41]O resto da historia de Salomón, os seus feitos e a súa sabedoría, están todos escritos no Libro dos Feitos de Salomón. [42]Salomón reinou en Xerusalén, sobre todo Israel, corenta anos. [43]Despois durmiu con seus pais e enterrárono na cidade de David, o seu pai. Sucedeuno no trono o seu fillo Roboam.

## OS REINOS DE ISRAEL E DE XUDÁ

### Asemblea de Xequem

**12** [1]Roboam foi a Xequem, pois reuníase alí todo Israel para proclamalo rei. [2]Sóuboo Ieroboam, cando estaba aínda en Exipto, a onde fora fuxindo do rei Salomón, [3]e en canto o mandaron chamar, viñera axiña.

[4]Ieroboam e a asemblea toda de Israel presentáronse a Roboam e faláronlle deste xeito: –Teu pai botou riba de nós un xugo duro de máis. Alixeira agora ti esta rexa servidume que teu pai botou riba de nós, e este xugo tan duro que el nos impuxo, e entón nós serviremoste.

[5]El respondeulles: –Agora marchade e volvede onda min ao cabo de tres días.

E o pobo retirouse. [6]O rei Roboam consultou entón cos anciáns, que estiveran ao servizo do seu pai Salomón, cando el vivía: –Que me aconsellades que lle responda a esta xente?

**11**, 26 A revolta de Ieroboam ten relación cos traballos forzados nas obras de Xerusalén. O fuxidío Ieroboam atopou boa acollida en Exipto, como Hadad de Edom, polas mesmas razóns políticas.
**11**, 30s A acción simbólica de Ahías, procedemento ben coñecido dos profetas, di máis ca todas as palabras. O profeta anuncia a división do reino que virá deseguida, e lexitima a Ieroboam como primeiro rei de Israel.
**12**, 1ss A división do reino ten neste capítulo unha boa versión. En Xequem, lugar tradicional de alianzas e de importantes decisións (Xos **24**), as tribos do norte decidirán se aceptan as condicións de Roboam ou se elixen outro rei. Ieroboam, alentado xa polo profeta, é agora aclamado polo pobo, que rexeita a Roboam.
**12**, 4 As razóns de que Israel refugase a Roboam veñen xa desde Salomón, coa súa política fiscal e co recrutamento de traballadores.

[7]Eles dixéronlle: –Se hoxe te abaixas con esta xente e te pos ao seu servizo, se te avés con eles e lles dás boas palabras, servirante por toda a vida.

[8]Pero el desbotou o consello que lle daban os anciáns, e aconsellouse con xente nova, que medraran con el e que estaban agora ao seu servizo. [9]El preguntoulles: –Que me aconsellades que responda a esta xente, que veñen pedindo que lles afrouxe o xugo que botou riba deles meu pai?

[10]Os mozos compañeiros respondéronlle: –Ao pobo que che di que teu pai lles impuxo un xugo moi duro e que ti llelo alixeires, débeslle dicir isto: O meu dedo maimiño é máis groso ca o lombo de meu pai. [11]Se meu pai vos impuxo un xugo rexo, eu engadirei rixidez a ese xugo. Se meu pai vos zorregou a lombeiradas, eu fareino coa tralla.

[12]O terceiro día, conforme o rei lles dixera, presentouse Ieroboam co pobo todo diante de Roboam. [13]O rei faloulles duramente, desatendendo o consello que lle deran os anciáns. [14]Seguindo o consello dos mozos, faloulles nestes termos: –Se meu pai vos impuxo un xugo rexo, eu engadirei rixidez a ese xugo. Se meu pai vos zorregou a lombeiradas, eu fareino coa tralla.

[15]O rei non fixo caso dos desexos do pobo, e esa foi a ocasión buscada polo Señor, para que se confirmase a palabra que o Señor tiña dito a Ieroboam, fillo de Nabat, por Ahías de Xiloh. [16]Cando todo Israel se convenceu de que o rei non os atendía, fáronlle deste xeito:

–Que parte temos nós con David?
Non temos herdo ningún co fillo de Ixaí.
Ás túas tendas, Israel!
E ti, David, goberna agora a túa casa.

E os israelitas fóronse todos para as súas casas. [17]Pero Roboam seguiu reinando sobre os israelitas que vivían nas cidades de Xudá. [18]O rei Roboam mandou entón a Adoniram, xefe do recrutamento dos traballadores. Mais os israelitas botáronselle enriba, acantazáronno e matárono. Ao velo, o rei Roboam montou no seu carro a toda présa e fuxiu cara a Xerusalén. [19]Foi dese xeito como Israel se separou da casa de David, ata o día de hoxe.

### División do reino

[20]Cando se soubo en Israel que volvera Ieroboam, chamárono á súa asemblea e proclamárono rei de todo Israel. Á casa de David non lle quedou tribo ningunha, fóra da tribo de Xudá.

[21]Chegado a Xerusalén, Roboam reuniu a casa toda de Xudá e a tribo de Benxamín, cento oitenta mil homes, guerreiros escolleitos, para facer a guerra á casa de Israel e restituír o reino de Roboam, fillo de Salomón. [22]Pero nisto veulle esta palabra do Señor a Semaías, home de Deus: [23]–Dille isto a Roboam, fillo de Salomón, rei de Xudá, á casa toda de Xudá e de Benxamín e ao resto do pobo. [24]Isto di o Señor: Non vaiades facer a guerra aos vosos irmáns os israelitas. Que cada un volva para a súa casa, pois isto que pasa é cousa miña.

Eles obedeceron a palabra do Señor e, de acordo con ela, foi cada un para a súa casa.

[25]Ieroboam fortificou Xequem, na montaña de Efraím, e quedou a vivir alí. Despois saíu de Xequem e fortificou Penuel. [26]Ieroboam pensou nos seus adentros: O reino pode aínda volver á casa de David. [27]Se esta xente segue subindo a Xerusalén, para ofrecer sacrificios na casa do Señor, o seu corazón tornarase para o seu señor Roboam, rei de Xudá. Someteranse ao rei de Xudá e a min mataranme.

[28]Despois de aconsellarse, o rei mandou construír dous becerros de ouro, e díxolle ao pobo: –Acabouse o subir a Xerusalén! Aquí está o teu Deus, Israel, o que te sacou de Exipto.

[29]E puxo un becerro en Betel e o outro en Dan. [30]Isto foi causa de pecado, pois a xente ía, uns a Dan e outros a Betel. [31]Ieroboam construíu tamén ermidas nos outeiros e puxo

**12**, 15 A división do reino non acontece ás escondidas do Señor, como se puxera xa á vista coa acción do manto de Ahías (1 Re **11**, 29ss).
**12**, 16 O berro da revolta sona coma o de Xeba contra David (2 Sam **20**, 1).
**12**, 18 *Adoniram*, o aborrecido xefe do recrutamento, non era a persoa máis indicada para negociar co pobo.
**12**, 20ss A división do reino consumouse, primeiro no plano político e despois tamén no relixioso. Cada un organizou as súas institucións nas dúas ordes. Pero os dous pretendían ser a mesma cousa: o pobo que nacera no movemento do éxodo.
**12**, 23s O profeta corrobora no nome de Deus os feitos consumados. Pero fala dun pobo de irmáns que está por riba deses feitos.
**12**, 25 Ieroboam non dá atopado unha capital para o seu reino. Despois de Xequem, será Penuel; máis tarde, Tirsah; e por fin, Samaria (1 Re **14**, 17; **16**, 24).
**12**, 28ss O cisma relixioso apóiase en razóns de orde política. Ieroboam non pretendeu cambiar o culto. Os becerros non representaban o Señor; eran soamente o seu trono e símbolos de poder. Pero semellábanse de máis aos símbolos cananeos. Na estima do historiador deuteronomista, ese é o pecado orixinal no que caeron todos os reis de Israel. Nalgún momento ese pecado de idolatría naturista levouse ata o Sinaí (Éx **32**).

por sacerdotes xentes do pobo, que non pertencían á tribo de Leví. [32]Por parte, instituíu unha festa no día quince do mes oitavo, coma a festa que se facía en Xudá, e el mesmo subiu ao altar que fixera en Betel, para ofrecer sacrificios aos becerros, mandados facer por el. En Betel puxo tamén sacerdotes nas ermidas que el construíra nos outeiros. [33]Subiu ao altar feito por el en Betel, o día quince do mes oitavo, o mes escollido ao seu gusto. Instituíu para os israelitas esa festa e subiu ao altar para ofrecer incenso nel.

### Un profeta de Xudá

**13** [1]Cando estaba Ieroboam ao pé do altar para ofrecer incenso nel, chegou a Betel un home de Deus con palabra do Señor. Por mandato do Señor berrou contra o altar estas palabras: [2]–Altar, altar! Isto di o Señor: Da familia de David nacerá un fillo, que se chamará Ioxías, que sacrificará enriba de ti os sacerdotes dos outeiros, que queiman incenso sobre ti; enriba de ti queimará ósos humanos. [3]E deu entón este sinal: –Este é o sinal de que quen fala é o Señor: O altar fenderase e ciscarase a cinsa que hai enriba del.

[4]Cando o rei Ieroboam oíu a palabra que proclamaba o home de Deus contra o altar de Betel, tendeu a súa man cara ao altar e ordenou: –Prendédeo!

Mais a man que tendera contra o home quedou ríxida e non podía volvela ao seu sitio. [5]O altar fendeuse e a cinsa que había enriba del ciscouse toda. Era o sinal que dera o home de Deus da parte do Señor. [6]O rei pediulle ao home de Deus: –Aplaca ao Señor, teu Deus, e rézalle por min, para que sande a miña man.

O home de Deus aplacou ao Señor, e a man do rei volveu a ter movemento e quedou coma antes. [7]O rei díxolle entón ao home de Deus: –Ven comigo á miña casa comer algo. Quero tamén facerche un regalo.

[8]O home de Deus respondeulle: –Non iría contigo nin que me deses a metade da túa casa. Neste lugar non quero comer nin beber nada, [9]pois o Señor mandoume que non comese nin bebese aquí cousa ningunha, nin volvese polo camiño por onde vin.

[10]E foise por outro camiño, non por onde chegara antes a Betel.

### O home de Deus e o vello profeta

[11]En Betel vivía daquela un profeta moi vello. Seus fillos viñéranlle contando o que ese día fixera en Betel o home de Deus e o que lle dixera ao rei. [12]O pai preguntoulles: –Que camiño colleu?

E os fillos mostráronlle o camiño que collera o home de Deus chegado de Xudá. [13]Entón o profeta díxolles aos fillos: –Arreádeme o burro.

Eles arreáronllo, e o profeta montou nel, [14]para ir tras o home de Deus. Encontrouno sentado debaixo dunha aciñeira e preguntoulle: –Es ti o home de Deus, que chegou de Xudá?

–Son, respondeu el.

[15]O outro dixo: –Ven comigo á miña casa, comer un anaco de pan.

[16]Respondeulle o home de Deus: –Non podo volver nin ir á túa casa, nin podo comer nin beber neste lugar cousa ningunha. [17]Porque o Señor que me falou, ordenoume que non comese nin bebese aquí nada e que non volvese por onde vin.

[18]O outro entón díxolle, enganándoo: –Eu son tamén profeta, coma ti, e o anxo díxome no nome do Señor: "Faino ir contigo á túa casa, para que coma e beba algo".

[19]O home de Deus foi con el, e comeu e bebeu na súa casa. [20]Estando os dous sentados á mesa, veulle a palabra do Señor ao profeta que o fixera volver, [21]e este berroulle ao home de Deus chegado de Xudá: –Isto di o Señor: Xa que desobedeciches a orde do Señor e non fixeches o que o Señor, teu Deus, che ordenara, [22]senón que comiches e bebiches no lugar onde Deus che vedara que o fixeras, o teu cadáver non será enterrado na sepultura de teus pais.

[23]Despois que lle deu de comer e de beber, o vello profeta aparelloulle o burro, e o home de Deus foise. [24]Polo camiño saíulle un león

**13** A historia do home de Deus, un título que vén ser coma o de profeta, quere deixar ben sentado que a palabra de Deus é a que manda. A palabra que di aquí ese profeta é coma frecha disparada, que atinxirá a súa meta. Anuncia para moi lonxe, como remedio destes males, a reforma de Ioxías (2 Re **23**, 15-19). Na historia do home mesmo pódese ver, xa ao momento, a forza que ten a palabra, ben sexa mandato ou anuncio.

**13**, 2 O historiador non se contén de traer xa ao presente o nome de Ioxías.

**13**, 15ss O vello profeta (e antes o rei) tenta ao home de Deus, facendo que se poña de acordo (comendo e bebendo con el) coa situación de Samaria. De paso saberá tamén se era ou non un profeta.

**13**, 18 Engano entre profetas. Un non é verdadeiro nin falso independentemente da palabra de Deus. Esta é a que fai ou deixa que un sexa profeta.

que o matou. O seu cadáver quedou tirado no camiño, e onda el quedou o burro e o león. [25]Pasaron algúns camiñantes e viron o cadáver no medio do camiño e o león quedo onda el, e fórono contar na cidade onde vivía o vello profeta. [26]Cando o soubo, o profeta que o fixera volver do seu camiño, comentou: –É o home de Deus, que se rebelou contra a palabra do Señor. O Señor entregouno ao león, que o esnaquizou e o matou, como lle dixera o Señor.

[27]Entón mandou o profeta aos seus fillos: –Aparelládeme o burro.

E eles aparelláronllo. [28]El foi e atopou o cadáver tirado no camiño e a pé del o burro e mais o león. O león non devorara o cadáver nin matara o burro. [29]O profeta levantou o cadáver do home de Deus, cargouno no burro e levouno. Chegados á cidade do vello profeta, fixeron dó por el e enterrárono. [30]O profeta puxo o cadáver no seu propio sepulcro e choraba por el dicindo: –Ai, meu irmán!

[31]Despois do enterro pediulles aos seus fillos: –Cando eu morra, enterrádeme no mesmo sepulcro, onda o home de Deus. Poñede os meus ósos onda os seus, [32]porque a palabra que dixo como palabra do Señor contra o altar de Betel e contra os altares dos outeiros das montañas de Samaria, de certo se cumprirá.

[33]Despois de todo isto, Ieroboam non se converteu da súa torta conduta, senón que seguiu constituíndo sacerdotes para os altares dos outeiros de entre a xente do pobo. A quen quería selo, el consagrábao sacerdote para as ermidas dos outeiros. [34]Nisto consistía o pecado da casa de Ieroboam, e por iso foi destruída, varrida da face da terra.

### O profeta Ahías predí a ruína de Ieroboam

**14** [1]Por aquel tempo enfermou Abías, fillo de Ieroboam, [2]e este díxolle á súa muller: –Vai e múdate de roupa, que non se saiba que es a muller de Ieroboam, e chégate a Xiloh, onde vive o profeta Ahías, o que me dixo que sería rei deste pobo. [3]Leva contigo dez pans, unhas bicas e un tarro de mel, e preséntate a el, para que che diga o que acontecerá con este neno.

[4]A muller de Ieroboam fixo como el lle dixera. Colleu e marchou a Xiloh e presentouse na casa de Ahías. Ahías xa non podía ver, pois a vellez escurecéralle a vista. [5]Pero o Señor dixéralle: –Velaquí a muller de Ieroboam que vai vir pedirche unha palabra sobre o seu neno doente. Diraslle isto e isto.

[6]Chegou ela, finxindo que era outra. Pero, cando Ahías sentiu o ruído das pisadas, ao entrar ela na porta, díxolle: –Entra, muller de Ieroboam. Por que finxes ser outra? Teño para ti unha amarga nova. [7]Vai e dille a Ieroboam: Isto di o Señor, Deus de Israel: Eu erguinte do medio deste pobo e fíxente xefe do meu pobo Israel. [8]Crebei o reino da casa de David para darcho a ti. Xa que non te portaches coma o meu servo David, que obedeceu os meus mandatos e me seguiu de todo corazón, facendo sempre o que é xusto aos meus ollos, [9]senón que fuches peor ca todos os teus antecesores, facendo para ti deuses estraños e ídolos fundidos, cos que me anoxaches, e volvéndome a min as costas, [10]aquí estou eu agora para traer a desgraza á casa de Ieroboam. Exterminareille a Ieroboam os homes todos, escravos ou libres en Israel; varrerei a casa de Ieroboam coma quen varre esterco, ata que non quede nada dela. [11]Aos da casa de Ieroboam que morran na cidade, comeranos os cans, e aos que morran no campo, comeranos os paxaros do ceo. É o Señor quen o di.

[12]E ti vaite agora para a túa casa. Cando poñas os pés na cidade, o neno morrerá. [13]Israel chorará por el e asistirá todo ao seu enterro. Pero el será o único da familia de Ieroboam que terá sepultura, pois de toda a familia só nel se atopa algo bo aos ollos do Señor. [14]O Señor escollerá para si un rei en Israel, que exterminará a familia de Ieroboam. [15]O Señor vaille dar un pau a Israel que o deixará coma a cana abaneada pola auga. Arrincarao desta boa terra que dera a seus pais e espallaraos por máis alá do Río, por facérense ídolos, anoxando con eles ao Señor. [16]Abandonará a Israel, por culpa dos pecados de Ieroboam e dos que el fixo cometer a Israel.

[17]A muller de Ieroboam marchou entón e colleu o camiño que leva cara a Tirsah. Cando puña o pé no limiar da súa casa, morría o seu neno. [18]Todo Israel chorou por el e asistiu ao seu enterro, conforme dixera o Señor polo seu servo o profeta Ahías.

**14**, 1-20 A consulta de Ieroboam sobre o fillo dálle ao profeta ocasión de denunciar o rei e de anunciarlle a súa desgraza. Cando morra Nadab, fillo de Ieroboam, o historiador lembrarase deste anuncio. Ieroboam xa non está en boas relacións co profeta que lle dera dez anacos do manto de Israel (1 Re **11**, 29ss). Cando se vai consultar a un profeta, lévaselle un regalo (1 Sam **9**, 7; 2 Re **5**, 15).

**14**, 14 Está pensando en Baxá, que exterminará a familia de Ieroboam (1 Re **15**, 28s).

**14**, 17 *Tirsah* era nese momento a capital do reino, despois de Xequem e Penuel.

19O resto da historia de Ieroboam, as súas
guerras, o seu reinado, está todo escrito no
Libro das Crónicas dos reis de Israel. 20Iero-
boam reinou vinte e dous anos. Despois dur-
miu con seus pais. Sucedeuno no trono o seu
fillo Nadab.

### Roboam de Xudá

21Roboam, fillo de Salomón, reinou sobre
Xudá. Tiña corenta e un anos cando empezou
a reinar, e reinou dezasete anos en Xerusalén,
a cidade que Deus escollera entre todas as tri-
bos de Israel para poñer nela o seu Nome.
Súa nai chamábase Namah e era amonita.
22Xudá fixo o mal aos ollos do Señor. Cos
pecados que cometeron provocaron os seus
celos, aínda máis ca seus pais. 23Tamén eles
construíron altares nos outeiros, estelas e
ídolos nos cotarelos e debaixo das árbores
verdecentes. 24Houbo mesmo prostitución
consagrada no país. Arremedaron as abomi-
nacións todas dos pobos que o Señor desbo-
tara de diante dos israelitas.
25No ano quinto do reinado de Roboam su-
biu Xexac, rei de Exipto, contra Xerusalén.
26Botou man dos tesouros do templo do Se-
ñor e do palacio real e levou todo. Tamén le-
vou os escudos de ouro que fixera Salomón.
27Para substituílos, o rei Roboam mandou
facer escudos de bronce e entregóullelos aos
xefes da garda, que coidaban da entrada do
palacio. 28Sempre que o rei ía ao templo do
Señor, os da garda levábanos, e despois vol-
víanos ao corpo de garda outra vez.
29O resto da historia de Roboam, todo o
que fixo, non está escrito no Libro das Cróni-
cas dos reis de Xudá? 30Roboam e Ieroboam
estiveron en guerra todo o tempo. 31Roboam
durmiu con seus pais e enterrárono na cida-
de de David. Súa nai chamábase Namah e
era amonita. Sucedeuno no trono o seu fillo
Abías.

### Abías de Xudá

**15** 1Abías empezou a reinar en Xudá o ano
dezaoito do reinado de Ieroboam, fillo
de Nabat. 2Reinou tres anos en Xerusalén.
Súa nai chamábase Macah, filla de Abxalom.
3Cometeu os mesmos pecados que come-
tera xa seu pai. O seu corazón non estivo
enteiro co Señor, coma o de David, seu pai.
4Pero, por amor a David, concedeulle o Se-
ñor, o seu Deus, unha lámpada en Xerusalén
aínda en pé. 5En verdade, David fixera o que
é xusto aos ollos do Señor e non se afastara
dos seus mandamentos en toda a súa vida,
fóra do caso de Urías o hitita. 6Abías e Iero-
boam estiveron en guerra todo o tempo.
7O resto da historia de Abías, todo o que
fixo, non está escrito no Libro das Crónicas
dos reis de Xudá? Tamén sobre as guerras
que houbo entre Abías e Ieroboam. 8Abías
durmiu con seus pais e enterrárono na cidade
de David. Sucedeuno no trono seu fillo Asá.

### Asá de Xudá

9Asá empezou a reinar en Xudá no ano
vinte do reinado de Ieroboam en Israel. 10Rei-
nou corenta anos en Xerusalén. Súa avoa
chamábase Macah, filla de Abxalom.
11Asá fixo o que é xusto aos ollos do Se-
ñor, coma David, seu pai. 12Botou fóra do
país a prostitución consagrada e desbotou
todos os ídolos que fixeran seus pais. 13Ta-
mén retirou o título de raíña-nai á súa avoa
Macah porque fixera unha imaxe de Axtarté.
Asá derrubou a imaxe e queimouna no to-
rrente Cedrón.
14Mesmo se non fixo desaparecer os al-
tares dos outeiros, o corazón de Asá estivo
enteiro co Señor, toda a súa vida. 15Levou ao
templo do Señor as ofrendas sagradas de seu
pai e as súas propias, prata, ouro e xoias.
16Asá e Baxá, rei de Israel, estiveron en
guerra todo o tempo. 17Baxá, rei de Israel,
marchou contra Xudá e fortificou Ramah,
para cortarlle o paso a Asá, rei de Xudá. 18Da-
quela, Asá botou man da prata e do ouro que
quedaban nos tesouros do templo do Señor e
do palacio real, entregóullelos aos seus servi-
dores e mandou que llos levasen a Benhadad,
fillo de Tabrimón, de Hezión, rei de Aram,

**14**, 21-31: Cf 2 Cro **11-12**.
**14**, 22-24 Xuízo relixioso xeral, da cor da negativa que empezara xa con Salomón (1 Re **11**).
**14**, 25s O faraón *Xexac* (ou Xexonq), o primeiro da dinastía XXII, paséase por todo o país, espoliando cidades. Deixou unha inscrición, que celebra o feito. As loitas entre Israel e Xudá fixéronlle a cousa doada.
**15**, 1-8 De Abías non conta o historiador feito ningún. Só di o que lle esixe dicir de cada rei o seu proxecto narrativo, no que entra tamén o xuízo relixioso. Máis, en 2 Cro **13**.
**15**, 4 *Unha lámpada*, un sucesor, conforme coa profecía da Natán, que se vai cumprindo en cada rei (1 Re **11**, 36; 2 Re **8**, 19).
**15**, 9ss *Asá* é un dos reis reformadores, antes ca Ezequías e Ioxías, que mereceu coma eles a atención do historiador (2 Cro **14**, 2-4; **15**, 1-15).
**15**, 18 Empeza a mingua do tesouro, para pagar tributos e librar a Xerusalén de ameazas.

que residía en Damasco, con esta mensaxe:
19"Fagamos un pacto entre nós, coma o que
houbo entre os nosos pais. Aí che mando ese
regalo de prata e de ouro. Creba o pacto que
tes con Baxá, rei de Israel, e que se afaste do
meu territorio".
20Benhadad mostrouse de acordo coa pe-
tición do rei Asá, e mandou os seus xenerais
contra algunhas cidades de Israel. Apodero-
use de Ión, Dan, Abel-Bet-Macah, a rexión de
Kinéret e o territorio de Naftalí.
21Cando Baxá soubo isto, deixou de re-
construír Ramah e volveuse para Tirsah.
22Entón o rei Asá convocou a todo Xudá, e
levaron de Ramah as pedras e as madeiras,
coas que Baxá a fortificaba. O rei Asá fortifi-
cou con elas Gueba de Benxamín e Mispah.
23O resto da historia de Asá, as súas proe-
zas, os seus feitos e as cidades que fortificou,
non está todo escrito no Libro das Crónicas
dos reis de Xudá? De vello enfermou dos
pés. 24Asá durmiu con seus pais e enterráro-
no na cidade de David. Sucedeuno no trono o
seu fillo Ioxafat.

### Nadab de Israel

25Nadab, fillo de Ieroboam, empezou a
reinar en Israel no ano segundo do reinado
de Asá en Xudá. Reinou dous anos en Israel.
26Fixo o mal aos ollos do Señor. Foi polo
mesmo camiño ca seu pai e cometeu o peca-
do que aquel fixera cometer a Israel.
27Baxá, fillo de Ahías, da tribo de Isacar,
conspirou contra el e matouno en Guibetón,
territorio dos filisteos, cando Nadab e todo
Israel estaban cercando a cidade. 28Baxá ma-
touno no ano terceiro do reinado de Asá en
Xudá, e sucedeuno no trono. 29O primeiro
que fixo Baxá como rei foi matar a familia
de Ieroboam, sen deixarlle con vida unha soa
persoa. Exterminouna toda, conforme a pala-
bra que dixera no nome do Señor o seu servo
Ahías de Xiloh, 30por culpa dos pecados que
cometera Ieroboam e dos que fixera cometer
a Israel, provocando o anoxo do Señor, Deus
de Israel.
31O resto da historia de Nadab e todo o que
fixo, non está escrito no Libro das Crónicas
dos reis de Israel?

### Baxá de Israel

32Asá e Baxá, rei de Israel, estiveron en
guerra todo o tempo. 33No ano terceiro de
Asá, rei de Xudá, empezou a reinar Baxá, fi-
llo de Ahías, sobre todo Israel. Reinou vinte
e catro anos. 34Fixo o mal aos ollos do Se-
ñor. Foi polo mesmo camiño ca Ieroboam
e cometeu o pecado que el fixera cometer a
Israel.

### O profeta Iehú

**16** 1Iehú, fillo de Hananí, recibiu esta
palabra do Señor contra Baxá: 2—Eu
tireite do po e fíxente xefe do meu pobo Is-
rael. Mais ti fuches polo mesmo camiño ca
Ieroboam e fixeches pecar a Israel, anoxán-
dome cos vosos pecados. 3Por iso vou varrer
a Baxá e a súa familia, facendo con ela o que
fixen coa familia de Ieroboam, fillo de Nabat.
4Os que lle morran a Baxá na cidade, come-
ranos os cans, e os que lle morran no campo,
comeranos os paxaros do ceo.
5O resto da historia de Baxá, os seus fei-
tos e as súas proezas, non están escritos no
Libro das Crónicas dos reis de Israel? 6Baxá
durmiu con seus pais e enterrárono en Tirsah.
Sucedeuno no trono o seu fillo Elah. 7Polo
profeta Iehú, fillo de Hananí, veu a palabra
do Señor contra Baxá e contra a súa fami-
lia, por culpa do mal que fixera aos ollos do
Señor, por anoxalo cos seus feitos, coma a
familia de Ieroboam, e porque exterminou a
esta familia.

### Elah de Israel

8No ano vinte e seis do reinado de Asá en
Xudá empezou a reinar Elah, fillo de Baxá,
en Tirsah. Reinou dous anos. 9O seu oficial
Zimrí, xefe da metade dos carros de guerra,
conspirou contra el. Cando Elah estaba em-
borrachándose en Tirsah, na casa de Arsá,
mordomo do palacio de Tirsah, 10entrou Zim-
rí, feriuno e matouno, no ano vinte e sete
do reinado de Asá en Xudá, e sucedeuno no
trono.
11O primeiro que fixo Zimrí, ao verse sen-
tado no trono, foi matar a toda a familia de
Baxá, sen deixar un só home, un vingador
do sangue ou un amigo. 12Zimrí exterminou

**15**, 25ss Con *Nadab* comeza a escoitarse o xuízo con-
denatorio de todos os reis de Israel: caeu nos pecados
de Ieroboam; e un feito que se repetirá: o rexicidio. Sete
de dezanove reis morreron asasinados. En Xerusalén, en
troques, houbo máis estabilidade.
**16**, 1-7 O profeta *Iehú* anuncia o derrubamento do reino
de Baxá, como fixera Ahías de Xiloh co de Ieroboam (1
Re **14**, 11).
**16**, 7 Repite o dito xa nos vv. 2s, dando outra razón da
sentencia contra Baxá.
**16**, 8-20 Unha nota máis dos reis do norte. A Zimrí che-
gáronlle sete días para exterminar a toda a familia do seu
predecesor. O seu exemplo repetirase en adiante (2 Re
**9**, 31).

a toda a familia de Baxá, conforme a palabra
que dixera o Señor contra Baxá polo profe-
ta Iehú. [13]Foi por culpa de todos os pecados
de Baxá e de Elah, os deles e mais os que
fixeran cometer a Israel, anoxando cos seus
ídolos ao Señor, seu Deus.
[14]O resto da historia de Elah e todo o que
fixo, non está escrito no Libro das Crónicas
dos reis de Israel?

### Zimrí de Israel

[15]Zimrí empezou a reinar no ano vinte e
sete do reinado de Asá en Xudá. Reinou sete
días en Tirsah.
Cando o pobo que estaba acampado cer-
ca de Guibetón, que pertencía aos filisteos,
[16]tivo a nova de que Zimrí se rebelara contra
o rei e que o matara, aquel mesmo día, no
campamento, Israel enteiro proclamou rei a
Omrí, xefe do exército. [17]Omrí e todo Israel
subiron de Guibetón e puxeron cerco a Tirsah.
[18]Cando Zimrí viu que a cidade estaba a pun-
to de caer, entrou no palacio real, prendeulle
lume e morreu nel. [19]Foi polos pecados que
cometera, facendo o mal aos ollos do Señor
e seguindo o camiño de Ieroboam e o seu pe-
cado de facer pecar a Israel.
[20]O resto da historia de Zimrí e a súa revol-
ta, non están escritos no Libro das Crónicas
dos reis de Israel?
[21]Daquela, o pobo de Israel dividiuse en
dous bandos. A metade seguía a Tibní, fillo
de Guinat, e quería facelo rei. A outra meta-
de seguía a Omrí. [22]Os partidarios de Omrí
prevaleceron sobre os de Tibní, fillo de Gui-
nat. Tibní caeu morto e Omrí foi rei. [23]Omrí
empezou a reinar sobre Israel no ano trinta e
un do reinado de Asá en Xudá. Reinou doce
anos, seis deles en Tirsah. [24]Mercoulle a Sé-
mer a montaña de Samaria por dous talentos
de prata, e construíu nela unha cidade, á que
chamou Samaria, polo nome de Sémer, que
fora o dono da montaña.
[25]Omrí fixo o mal aos ollos do Señor. Foi
peor aínda ca os seus antecesores. [26]Seguiu o
mesmo camiño ca Ieroboam, fillo de Nabat,
e caeu nos pecados que el fixera cometer a
Israel, anoxando cos seus ídolos ao Señor,
Deus de Israel.
[27]O resto da historia de Omrí, os seus fei-
tos e as súas proezas, non están escritos no
Libro das Crónicas dos reis de Israel? [28]Omrí
durmiu con seus pais e enterrárono en Sama-
ria. Sucedeuno no trono o seu fillo Acab.

### Acab de Israel

[29]Acab, fillo de Omrí, empezou a reinar en
Israel no ano trinta e oito do reinado de Asá
en Xudá. Reinou sobre Israel en Samaria vin-
te e dous anos. [30]Acab, fillo de Omrí, fixo o
mal aos ollos do Señor, peor ca todos os seus
antecesores. [31]Como se fose pouco caer nos
pecados de Ieroboam, fillo de Nabat, colleu
por muller a Iezabel, filla de Etbaal, rei dos
sidonios, e chegou a dar culto a Baal e pros-
trarse diante del. [32]Ergueu un altar a Baal, na
ermida que lle construíra en Samaria, e le-
vantou ídolos. [33]Provocou o furor do Señor,
Deus de Israel, cada vez máis, peor ca todos
os reis que houbera antes del en Israel.
[34]No seu tempo, Hiel de Betel reconstruíu
Iericó. Botoulle os cimentos co pago da vida
de Abiram, seu primoxénito, e púxolle as
portas co pago da vida do máis novo, Seguib,
conforme a palabra do Señor por Xosué, fillo
de Nun.

### O profeta Elías

**17** [1]Elías o texbita, de Tixbé de Galaad,
díxolle a Acab: –Pola vida do Señor,
Deus de Israel, a quen sirvo! Non caerá orba-
llo nin chuvia estes anos, se eu non o mando.

**16**, 21-28 Con *Omrí* comeza unha nova dinastía en Is-
rael, se cadra a máis importante. Con ela acabaron as
guerras entre Israel e Xudá.
**16**, 24 Pouco sabemos de Omrí; pero está o dato de que
fundou Samaria. Con iso a política de Israel vira cara ao
noroeste, e seguirá xa sempre nesa dirección.
**16**, 29-34 Acab, coa súa política, fai o marco e o contra-
punto para a actividade do profeta Elías.
**16**, 31 Un dos datos máis significativos que o historia-
dor conta de Acab é o do seu casamento coa princesa
fenicia Iezabel; o seu fanatismo relixioso deixou aceda
lembranza (1 Re **18**, 4; **19**, 1-2; 2 Re **9**, 22). A abertura
cultural con Fenicia ten para Israel resultados de orde
relixiosa. Nese marco de sincretismo movéronse Elías
e Eliseo.
**16**, 34 Cúmprese a maldición de Xosué contra o que re-
construíse Iericó (Xos **6**, 26). O sacrificio de nenos era
práctica cananea. Aquí trátase dun sacrificio de funda-
ción (2 Re **3**, 27).
**17** Empeza o ciclo de Elías, con milagres que queren fa-
cer ver o poder do Deus de Israel nos terreos que a xente
pensaba que eran exclusivos de Baal: a chuvia, a ferti-
lidade, a saúde, a vida. Elías tenta de conquistar para o
iavismo eses lugares teolóxicos. Os milagres expresan as
convicciónsdos que os contan. Deus foi visto alí por eles.
**17**, 1 O anuncio da seca presenta a Elías en acción. Ese
é un desafío aos baais da fertilidade, que rematará coa
vitoria de Iavé e do seu profeta no capítulo seguinte. O
atrevemento de Elías de encararse co rei ten xa tradición
noutros profetas (Samuel, Natán, Ahías de Xiloh).

[2]Despois veulle esta palabra do Señor:
[3]–Vaite de aquí cara ao nacente e escóndete
no torrente Carit, que está do outro lado do
Xordán. [4]Beberás do regato e eu mandarei
corvos que che leven alí de comer.
[5]Elías fixo o que lle mandaba o Señor, e foi
vivir onda o torrente Carit, do outro lado do
Xordán. [6]Os corvos levábanlle alí pan pola
mañá e carne pola tarde. E bebía do regato.

### A viúva de Sarepta

[7]A volta duns poucos días, o regato secou,
porque non chovía na rexión. [8]O Señor díxo-
lle a Elías: [9]–Vai a Sarepta de Sidón e fica alí,
pois mandeille a unha viúva do lugar que che
dea de comer.
[10]Foi el á Sarepta e, ao entrar pola porta da
cidade, viu alí unha muller viúva, que esta-
ba xuntando guizos. Elías chamou por ela e
díxolle: –Fai o favor e vaime por unha pou-
ca auga na xerra para beber. [11]Mentres ía ela
collerlla, Elías chamouna e díxolle: –Tráeme
tamén, se podes, na túa man un anaco de pan.
[12]Ela díxolle: –Pola vida do Señor, teu
Deus, que non teño pan ningún. Quédame só
na cántara unha presa de fariña e unha pinga
de aceite na aceiteira. Ves que estou apañan-
do guizos. Irei preparalo para min e para o
meu fillo. Comerémolo e despois teremos
que morrer.
[13]Díxolle Elías o texbita: –Non teñas
medo. Anda e fai como dixeches. Pero pri-
meiro prepara un panciño con iso e tráemo a
min. Despois xa prepararás para ti e para teu
fillo. [14]Pois isto di o Señor, Deus de Israel: A
cántara de fariña non se acabará e a aceiteira
do aceite non minguará, ata o día en que o
Señor mande a chuvia á terra.
[15]Foi ela facer o que Elías lle dixera. E co-
meu el, ela e seu fillo, moito tempo, [16]sen que
se acabase a fariña da cántara nin minguara o
aceite na aceiteira, como dixera o Señor por
medio de Elías.

### O fillo da viúva

[17]Algún tempo despois enfermou o fillo da
muller, dona da casa. A doenza foi tan gra-
ve, que o neno deixou de alentar. [18]A muller
díxolle a Elías: –Que temos que ver un con
outro, home de Deus? Viñeches á miña casa
para lembrarme os meus pecados e para ma-
tarme o fillo?
[19]Respondeulle Elías: –Dáme aquí o teu
fillo.
E coa mesma, colleullo do colo, subiuno ao
cuarto onde el durmía e deitouno na cama. [20]E
oroulle ao Señor, dicindo: –Señor, meu Deus,
tamén vas visitar coa desgraza a esta viúva
coa que vivo, facendo que morra seu fillo?
[21]Logo tendeuse riba do neno por tres ve-
ces, chamando ao Señor: –Señor, meu Deus,
fai que o alento de vida deste neno entre nel
outra vez.
[22]O Señor escoitou a oración de Elías, e o
neno comezou a alentar e reviviu. [23]Elías co-
lleu o neno, baixouno do seu cuarto e deullo
á nai, dicindo: –Aquí tes o teu fillo vivo.
[24]A muller díxolle a Elías: –Agora acabo
de ver que ti es un home de Deus, e que a
palabra do Señor está de verdade na túa boca.

### Elías e Acab

**18** [1]Pasado moito tempo, ao cabo de tres
anos, chegoulle a Elías esta palabra do
Señor: –Vai e preséntate a Acab, que quero
mandar chuvia á terra.
[2]E Elías foi para se presentar a Acab. A
fame era moi grande en Samaria. [3]Acab cha-
mou a Abdías, mordomo do palacio, home
moi respectuoso do Señor, [4]ata o punto que,
cando Iezabel mataba os profetas do Señor,
el colleu a cen deles, escondeunos en covas,
en grupos de cincuenta, e leváballes de co-
mer e beber. [5]Acab díxolle: –Percorramos
todo o país, por mananciais e regatos, para
ver se atopamos herba con que manter caba-
los e machos, e que non teña que perecer o
gando todo.
[6]Repartíronse o territorio e percorrérono
entre os dous, Acab só polo seu lado e Abdías
polo seu. [7]Cando ía Abdías percorrendo o seu
camiño, saíulle Elías ao encontro. En canto
o recoñeceu, Abdías prostrouse diante del e
díxolle: –Es ti, meu señor Elías?
[8]El respondeulle: –Son eu. Vai e dille ao
teu amo que aquí está Elías.

**17**, 4 Polo profeta, Deus móstrase poderoso nos terreos da comida, da saúde e da vida, tamén fóra do territorio de Israel (v. 9).
**17**, 14-16 Lembranza dese milagre en Lc **4**, 25s.
**17**, 18 A muller pensa que é a presenza do home de Deus o que trae á vista as súas culpas e que estas causan a morte do seu fillo. Pero o profeta fai ver a Deus como forza de vida. Unha reanimación semellante, no ciclo de Eliseo (2 Re **4**, 8-37).
**17**, 21 Cf 2 Re **4**, 30-37; Feit **20**, 9s.
**17**, 24 Os milagres son sinais do que no nome de Deus di o profeta (v. 16).
**18** Dous planos do enfrontamento do profeta: con Acab e cos profetas de Baal. O Deus do profeta loita coas forzas da natureza feitas deuses. A vitoria fai aclamar ao pobo: o Señor é Deus. Ese é o significado do nome de Elías.
**18**, 4 Eses *profetas* parecen ser os que logo se coñecen coma os "fillos dos profetas", que recordan as comunidades proféticas do tempo de Samuel (1 Sam **10**, 5ss).

9Abdías dixo: –Que pecado cometín eu,
para que entregues o teu servo nas mans de
Acab, e que me mate? 10Pola vida do Señor,
teu Deus, que non queda pobo nin reino no
que o meu amo non mandase dar contigo. Se
lle dicían que non estabas, facíalles xurar a
reinos e a pobos que non te atoparan. 11E ago-
ra disme ti: "Vai e dille ao teu amo que aquí
está Elías". 12En canto eu me afaste de ti, o
espírito do Señor levarate non sei para onde.
Eu ireillo dicir a Acab, e el non te atopará e
matarame. Mais o teu servo teme ao Señor
desde pequeno. 13Non che teñen contado o
que fixo o teu servo, cando Iezabel mataba os
profetas do Señor? Escondín en covas cen de
entre eles e leváballes de comer e de beber.
14E agora ti disme: "Vai e dille ao teu amo
que aquí está Elías". Matarame.

15Elías dixo: –Pola vida do Señor dos
exércitos, que hoxe mesmo me presentarei
diante del.

16Entón Abdías foi ao encontro de Acab e
contoulle todo. E Acab saíu ao encontro de
Elías. 17Cando Acab viu a Elías, díxolle: –Es
ti, ruína de Israel?

18E el respondeulle: –Non son eu a ruína
de Israel, senón ti e a túa familia, porque
abandonastes os mandamentos do Señor e
fostes tras os baais. 19Agora manda que todo
Israel, cos catrocentos cincuenta profetas de
Baal, que comen á mesa de Iezabel, se xun-
ten comigo no monte Carmelo.

### Elías e os profetas de Baal

20E Acab mandou recado por todo Israel,
que se xuntou no monte Carmelo con todos
os profetas de Baal. 21Elías volveuse entón
cara ao pobo e díxolles: –Por canto tempo
iredes coxeando cara a un lado e cara ao ou-
tro? Se o Señor é Deus, seguídeo a El; e se é
Baal, seguide a Baal.

O pobo non respondeu unha palabra. 22E
Elías seguiu dicindo: –De todos os profetas
do Señor quedo eu só con vida, mentres os
profetas de Baal son catrocentos cincuenta.
23Que nos dean dous becerros. Que eles esco-
llan un, que o despecen, que o coloquen en-
riba da leña, pero que non lle prendan lume.
Eu prepararei despois o outro becerro, porei-
no enriba da leña, sen pegarlle lume tampou-
co. 24Logo invocaredes vós ao voso deus, e
eu invocarei o nome do Señor. O deus que
responda, facendo que o lume se prenda, será
o Deus verdadeiro.

O pobo respondeu á unha voz: –Iso está
ben.

25Entón díxolles Elías aos profetas de Baal:
–Escollede un becerro e preparádeo vós pri-
meiro, porque vós sodes máis. Despois, sen
pegarlle lume, invocade o voso deus.

26Eles colleron o becerro que lles deron,
preparárono e estiveron invocando o nome
de Baal desde a mañá ata o mediodía. Dicían:
–Baal, escóitanos.

Mais non se oía voz ningunha nin había
resposta. Pero eles seguían brincando arredor
do altar que construíran.

27Polo mediodía, Elías dicíalles con bur-
la: –Berrade aínda máis, pois, aínda que el é
deus, pode estar entretido, de conversa ou de
viaxe; tamén pode ser que durma e que haxa
que espertalo.

28Eles chamábano a berros e facíanse cor-
taduras con coitelos e lancetas, ata correrlles
o sangue, segundo o seu costume. 29Pasado
o mediodía caeron en arroubo, ata a hora da
ofrenda. Mais non se oía voz ningunha, nin
había resposta nin quen lles fixese caso.

30Entón Elías díxolle á xente: –Acercáde-
vos.

E achegáronse todos a el. El arranxou o
altar que estaba derrubado. 31Colleu doce
pedras, conforme o número das tribos de
Xacob, a quen Deus lle dixera que se chama-
ría Israel; 32edificou coas pedras un altar en
honor do Señor e fixolle unha gabia arredor,
coma de dúas medidas de semente. 33Despois
preparou a leña, despezou o becerro e púxoo
enriba da leña. 34E mandou: –Enchede catro
cántaros de auga e botádea por riba do sacri-
ficio e da leña. E engadiu: –Outra vez!

E eles repetiron. E mandou aínda: –Outra
vez!

E eles fixérono por terceira vez. 35A auga
correu arredor do altar e encheu tamén a gabia.

36Chegada a hora da ofrenda, o profeta
Elías achegouse ao altar e rezou: –Señor,
Deus de Abraham, de Isaac e de Israel; que se

**18**, 17s Un acusa ao outro de ser a desgraza de Israel. Pero non falan da mesma cousa: o rei fala da nación; o profeta, do pobo de Deus. Non chegan a entenderse.

**18**, 21 O profeta diríxese a un pobo que "coxea", ora cara ao Señor ora cara a Baal. Elías vaino enfrontar coa decisión.

**18**, 22 Dun lado está o profeta do Señor, só e perseguido; do outro, os catrocentos cincuenta profetas de Baal, co goberno do pobo da súa parte. Pero non son eles os que loitan, senón o Señor e Baal. Ese é o sentido da historia.

**18**, 27 Ocupacións do deus protector dun pobo navegante e comerciante, aquí tomadas a riso.

**18**, 28 Procedementos de excitación e con intención de encirrar, que deberían conferir forza á súa súplica (Lev **19**, 28; Dt **14**, 1).

**18**, 36s A oración de Elías contrasta coa dos profetas de Baal: non é obrigante, senón suplicante; non é o feito do milagre o que quere, senón o convencemento do pobo que coxea.

saiba hoxe que ti es o Deus de Israel e que eu son o teu servo, que fago polo teu mandato estas cousas. [37]Respóndeme, Señor, respóndeme, para que saiba este pobo que ti, Señor, es Deus. E ti converterás os seus corazóns.

[38]Nisto caeu un lume do Señor, que consumiu o sacrificio, a leña, as pedras e o po, e secou mesmo a auga da gabia. [39]Cando a xente o viu, prostrouse toda polo chan e exclamou: –O Señor é o Deus verdadeiro, o Señor é o Deus verdadeiro!

[40]Elías díxolles entón: –Prendede os profetas de Baal, sen que escape ningún.

Eles prendéronos, e Elías fíxoos baixar ao torrente Quixó, onde os matou.

### O final da seca

[41]Despois diso, Elías díxolle a Acab: –Vai comer e beber, que xa sinto o estrondo da chuvia.

[42]Acab foi comer e beber, mentres Elías rubía o cume do Carmelo. Alí sentou dobrado cara ao chan, coa cabeza entre os xeonllos. [43]Díxolle ao seu criado: –Vai e avista cara ao mar.

Foi el, avistou e dixo: –Non se ve nada.

El insistiulle: –Volve, ata sete veces.

[44]Á sétima vez o servo dixo: –Érguese sobre o mar unha nube pequena, coma a palma da man.

Elías mandoulle: –Vaille dicir a Acab que enganche o carro e que baixe, se non quere que a chuvia o deteña.

[45]Nun intre o ceo cubriuse, estalou a treboada e rompeu a chover a cachón. Acab ía cara a Iezrael, montado no seu carro. [46]A man do Señor pousouse sobre Elías, que cinguiu o seu cinto e correu diante de Acab, ata a entrada de Iezrael.

### Elías no monte Horeb

**19** [1]Acab contoulle a Iezabel o que Elías fixera e como pasara a todos os profetas polo gume da espada. [2]Ela mandou entón un mensaxeiro, que lle fose dicir a Elías: –Que os deuses me traten do peor, se mañá destas horas non teño feito contigo o que fixeches ti con eles.

[3]Elías tivo medo e fuxiu, buscando salvar a súa vida. Chegado á Beerxeba de Xudá, deixou alí a seu criado. [4]El seguiu polo deserto, un día de camiño. Alí foi sentar debaixo dunha xesta, e pediu a morte, dicindo: –Xa chega, Señor. Quítame a vida, pois non vallo eu máis ca os meus pais.

[5]Deitouse á sombra da xesta e durmiuse. Un anxo tocouno e díxolle: –Érguete e come.

[6]Mirou Elías e viu á súa cabeceira unha bica cocida no rescaldo e un xerro de auga. Comeu e bebeu daquilo e volveuse deitar. [7]Tornou de segundas o anxo do Señor e tocouno, dicíndolle: –Érguete e come, que che queda moito camiño.

[8]Ergueuse Elías, comeu e bebeu e, coa forza daquel sustento, andou corenta días coas súas noites, ata o monte de Deus, o Horeb. [9]Alí meteuse nunha cova e pasou nela a noite. Chegoulle a palabra do Señor, que lle preguntou: –Que fas aí, Elías?

[10]El respondeu: –Ardo en celos polo Señor, Deus dos exércitos, porque os israelitas abandonaron a túa alianza, derrubaron os teus altares e mataron polo fío da espada os teus profetas. Quedo soamente eu, e búscanme para matarme.

[11]Díxolle o Señor: –Sae de aí e fica de pé no monte, diante do Señor. Porque o Señor vai pasar.

Nisto veu un rexo furacán, que fendía os montes e cuarteaba os penedos de diante do Señor. Mais non estaba o Señor no furacán. Despois do furacán houbo un tremor de terra; mais tampouco no tremor de terra estaba o Señor. [12]Despois do tremor de terra veu un gran lume; mais non estaba no lume o Señor. Despois do lume oíuse o murmurio dunha ai-

**18**, 38 *Lume* do ceo, quizais un raio (Lev **9**, 24; Xuí **6**, 21). O lume é sinal de Deus en moitas teofanías.

**18**, 44 Proceso de formación dunha treboada: unha pequena nube que se ergue sobre o mar Mediterráneo, e vai medrando e andando e botando auga sobre a terra (Sal **29**).

**18**, 46 *Iezrael* era a segunda capital do reino de Samaria, no val de Esdrelón e non lonxe do monte Carmelo.

**19** A viaxe de Elías ao Horeb é o retorno do profeta ás fontes, cando parecía que a súa causa ía camiño de perderse. Elías vai derrotado e volve convertido, capaz de ver a Deus nas cousas pequenas e de conferir continuidade á súa obra. O segredo do cambio está no encontro con Deus no monte santo. Alí renacera tamén Moisés, outro mensaxeiro do Mesías (cf Dt **18**, 18ss; Mt **17**, 1-9).

**19**, 4 O profeta está canso da loita, pero Deus non lle dá aínda o relevo, senón conforto e novas forzas.

**19**, 8 *Horeb* é outro nome do Sinaí, o dos estratos E e D do Pentateuco. É o lugar da teofanía ao pobo de Moisés e o berce da alianza (Éx **33**, 18-**34**, 9). Alí leva Elías consigo o pequeno resto de Israel.

**19**, 9 Tamén Moisés viu pasar a gloria de Deus desde a fenda aberta na rocha (Éx **33**, 22).

**19**, 10 O profeta denuncia a Israel que rompeu a alianza. Pero alí xa se reparara, despois de que se rompera a primeira vez (Éx **34**).

**19**, 11 A teofanía non se serve nesta ocasión das mediacións de forza nin se reviste de ornamento. Deus déixase sentir na doce e suave airexiña. Quere ser iso desaprobación da fogaxe e da impaciencia de Elías?

rexiña. [13]En canto Elías o sentiu, tapou a cara co manto, saíu fóra e ficou en pé, na entrada da cova. Niso chegou unha voz que preguntaba: –Que fas aí, Elías?

[14]El respondeu: –Ardo en celos polo Señor, Deus dos exércitos, porque os israelitas abandonaron a túa alianza, derrubaron os teus altares e mataron polo fío da espada os teus profetas. Quedo soamente eu, e búscanme para matarme.

[15]O Señor díxolle a Elías: –Vai e desanda o camiño cara ao deserto de Damasco. En chegando alí, unxe por rei de Aram a Hazael, [16]e a Iehú, fillo de Nimxí, por rei de Israel; e a Eliseo, fillo de Xafat, de Abel Meholah, por profeta, teu sucesor. [17]O que escape da espada de Hazael, matarao Iehú, e ao que escape da espada de Iehú, matarao Eliseo. [18]Pero deixarei en Israel un resto de sete mil homes, os que non dobraron os xeonllos diante de Baal e que non o bicaron cos seus beizos.

### Vocación de Eliseo

[19]Elías marchou de alí e encontrouse con Eliseo, fillo de Xafat, que araba con doce xuntas, levando el a derradeira. Elías pasou a carón del e botoulle enriba o seu manto.

[20]Eliseo deixou os bois e foi correndo atrás de Elías. E díxolle: –Déixame despedirme de meu pai e de miña nai, e logo ireime contigo.

El respondeulle: –Vai, pero volve logo, pois xa ves o que fixen contigo.

[21]Ao dar a volta, Eliseo colleu a xunta de bois e ofreceunos en sacrificio. Cos apeiros de arar coceu a carne e deulle á xente de comer. Despois foise con Elías e quedou ao seu servizo.

### Guerras de Acab cos arameos

**20** [1]Benhadad, rei de Aram, xuntou todos os seus exércitos e, en compaña de vinte e dous reis máis, con cabalaría e con carros, cercou Samaria e atacouna. [2]Mandou mensaxeiros á cidade, para que dixesen a Acab, rei de Israel: [3]"Isto di Benhadad: A túa prata e mais o teu ouro son para min; e para min tamén as túas mulleres e os teus fillos mellores".

[4]Respondeulle o rei de Israel: –Como dispoña o rei, meu señor. Eu e todo o que teño somos teus.

[5]Os mensaxeiros volveron de segundas, cunha nova mensaxe: –Isto di Benhadad: "Xa che mandei dicir que me deas a túa prata e mais o teu ouro, as túas mulleres e os teus fillos. [6]Pois ben, mañá destas horas mandareiche os meus criados, para que rexistren o teu palacio e as casas dos teus ministros. Poderán botar man de todo o que lles guste e levalo".

[7]O rei de Israel chamou entón a todos os anciáns de Israel e díxolles: –Pensádeo ben e veredes que ese home quere a nosa desgraza. Mandou polas miñas mulleres e os meus fillos, pola miña prata e o meu ouro, e eu nada lle neguei.

[8]Os anciáns e o pobo enteiro respondéronlle: –Non lle fagas caso. Non consintas en nada diso.

[9]Entón Acab deulles a resposta aos mensaxeiros de Benhadad: –Dicídelle ao rei, meu señor: "Farei o que mandaches dicir de primeiras ao teu servo; mais estoutro non o podo facer".

Os mensaxeiros marcharon coa resposta. [10]Entón Benhadad mandou dicirlle a Acab: –Que os deuses me castiguen, se chega o po de Samaria para que os soldados que me seguen enchan con el a súa man.

[11]Respondeulle o rei de Israel: –Que non cante vitoria o que cingue a espada, senón o que a descingue.

[12]Cando oíu isto Benhadad, que estaba cos outros reis bebendo nas súas tendas, díxolles aos seus oficiais: –Aos vosos postos!

E eles dispuxéronse para atacar a cidade. [13]Nisto presentouse a Acab, rei de Israel, un profeta, que lle anunciou: –Isto di o Señor: "Ves esa enorme multitude? Pois hoxe vouna entregar nas túas mans, para que saibas que eu son o Señor".

[14]Preguntoulle Acab: –Por medio de quen?

Respondeu el: –O Señor di: "Por medio dos axudantes dos xefes dos distritos".

Preguntoulle aínda o rei: –Quen empezará o ataque?

–Ti mesmo, respondeu el.

**19**, 13 Elías tapou a cara, porque ningún vivente pode ver a Deus, senón a través de mediacións (Éx **3**, 6; **33**, 20).
**19**, 15-18 Nesa orde de Deus aos profetas fanse ver como guiados por el os sucesivos pasos da historia. En realidade, esas misións pertencen ao ciclo de Eliseo.
**19**, 19-21 A chamada de Eliseo non segue as liñas doutras vocacións: é unha investidura. O manto do profeta represéntao a el. Ao botarlle o seu manto enriba, Elías toma posesión de Eliseo para a súa misión.
**20** O c. dá idea das longas guerras que enfrontaron a Israel cos arameos, desde o tempo de Acab. Para o historiador ese é un marco. O que verdadeiramente lle interesa é a efectividade da palabra de Deus. A palabra é a primeira forza da historia, a que dá a vitoria, a que salva.
**20**, 10 O rei de Aram despreza os seus inimigos: a el sóbranlle soldados para levar da súa man toda a terra de Samaria.
**20**, 13-21 A palabra do profeta converte a vitoria en lugar teolóxico.

15Acab fixo o reconto dos axudantes dos
xefes dos distritos, e eran douscentos trinta e
dous. Despois fixo tamén o reconto dos solda-
dos, e eran sete mil homes. 16Saíron a medio-
día, mentres Benhadad bebía e se emborra-
chaba nas súas tendas, cos trinta e dous reis,
os seus compañeiros. 17Saíron diante os axu-
dantes dos xefes dos distritos. A Benhadad
chegoulle a nova: –Saíu xente de Samaria.
18Benhadad ordenou entón: –O mesmo se
veñen tratar de paz coma se veñen en son de
guerra, collédeos vivos.
19Os que saíran da cidade eran os axu-
dantes dos xefes dos distritos, e tras eles o
exército. 20Cada un matou un inimigo. Os
arameos fuxían, e Israel perseguíaos. Benha-
dad, rei de Aram, fuxía a cabalo, cuns poucos
cabaleiros. 21Entón saíu o rei de Israel, des-
truíu cabalos e carros, e inflixiu nos arameos
unha grave desfeita.

### Nova vitoria sobre os arameos

22Chegou un profeta onda o rei de Israel e
díxolle: –Vai preparar reforzos e pensa ben o
que has facer, porque, á volta dun ano, o rei
de Aram subirá de novo contra ti.
23Os oficiais do rei de Aram, pola súa par-
te, dixéronlle ao seu rei: –O Deus dos israe-
litas é un deus das montañas; por iso eles nos
venceron. Se os atacamos na veiga de seguro
que os venceremos. 24Adopta esta nova estra-
texia: depón dos seus postos eses reis e pon
capitáns no sitio. 25Prepara un exército seme-
llante ao que perdiches, co mesmo número
de cabalos e de carros. Atacarémolos na chai-
ra e seguramente os venceremos.
O rei escoitou as súas razóns e deixouse
guiar polos seus consellos.
26A volta do ano, Benhadad revistou o exér-
cito arameo e subiu a Afecah, para atacar a Is-
rael. 27Os israelitas, da súa banda, revistáronse
e abastecéronse, e saíron despois ao seu encon-
tro. Acampados enfronte deles, parecían dous
fatos de cabras, mentres os arameos cubrían a
chaira toda. 28Niso chegou alí un home de Deus
e díxolle ao rei de Israel: –Isto di o Señor: Xa
que os arameos pensan que o Señor é un deus
da montaña, e non un deus da terra chá, vou
entregar nas túas mans esa enorme multitude,
para que saibades que eu son o Señor.
29Seguiron alí acampados sete días, uns
enfronte dos outros. No sétimo día metéronse
na loita. Os israelitas mataron nun só día cen
mil arameos dos de a pé. 30O resto fuxiu cara
a Afecah; pero as súas murallas derrubáronse
sobre os vinte e sete mil homes que quedaran
con vida. Benhadad fuxiu tamén e, entrando
na cidade, buscaba onde acocharse, dun re-
cuncho noutro.
31Os seus oficiais dixéronlle: –Temos oído
dicir que os reis de Israel son misericordio-
sos. Cingámonos sacos ao van e cordas ao
pescozo, e presentémonos ao rei de Israel.
Ao mellor perdóache a vida.
32Cinguíronse sacos ao van e cordas ao
pescozo, e presentáronse ao rei de Israel, di-
cindo: –O teu servo Benhadad pídeche: Por
favor, perdóame a vida.
El preguntou: –Vive aínda? É meu irmán.
33Os arameos viron niso un bo agoiro. Col-
léronlle deseguida a palabra e dixéronlle:
–Benhadad é teu irmán.
El ordenoulles: –Ide e traédemo.
Benhadad chegou onda el, e el montou-
no no seu carro. 34Benhadad díxolle entón:
–Vólvoche as cidades que meu pai lle quitou
ao teu, e ti poderás pór un mercado en Da-
masco, coma o que meu pai puxo en Samaria.
Acab respondeulle: –Por este pacto eu
déixote marchar.
Acordou con el un pacto e deixouno en
liberdade.

### Un profeta ameaza a Acab

35Un home da comunidade dos profetas
díxolle a un seu compañeiro, por orde do Se-
ñor: –Anda, pégame!
Mais o outro negouse a pegarlle. 36Aquel
díxolle: –Xa que non obedeciches a orde do
Señor, en afastándote de min matarate un león.
En canto partiu de onda el, saíulle un león
e matouno.
37Encontrouse despois con outro home e
díxolle: –Anda, pégame!
Este pegoulle e feriuno. 38O profeta ferido
foi e apostouse no camiño, á agarda do rei,
demudado como estaba e cunha venda nos
ollos. 39Cando o rei pasaba por alí, o profeta
berroulle: –Saía o teu servo do medio da bata-
lla, e nisto aproximóuseme un home, que me
dixo: "Garda este prisioneiro. Se che escapa,
responderás por el coa túa vida ou cun talento
de prata". 40Pero, mentres o teu servo andaba
de aquí para acolá, desapareceu o prisioneiro.
O rei de Israel respondeulle: –Esa é a túa
sentenza; ti mesmo a pronunciaches.

**20**, 22-27 Outro profeta interfire, para dicir quen é Deus e onde se manifesta.
**20**, 28-34 De novo un home de Deus anuncia a vitoria.
**20**, 35-43 Outra historia de profeta, con temas de obediencia e desobediencia, como a de 1 Re **13**, 24ss. A parábola do soldado ferido para denunciar a Acab e anunciarlle o seu final, anuncio que queda aberto.

41Entón tirou o profeta a venda que lle tapaba os ollos, e o rei de Israel deuse conta de que era un dos profetas. 42Este díxolle: –Isto di o Señor: Xa que deixaches escapar da túa man o home que eu dedicara ao exterminio, pagarás a súa vida coa túa vida e o seu exército co teu.

43O rei de Israel volveu para a súa casa triste e anoxado. E entrou en Samaria.

### A viña de Nabot

**21** 1Nabot de Iezrael tiña unha viña pegada ao palacio de Acab, rei de Samaria. 2Acab propúxolle a Nabot: –Cédeme a túa viña, para facer un horto nela, pois está ao lado do meu palacio. Eu dareiche, en troques, unha viña mellor ou, se prefires, pagareicha polo que valla.

3Nabot respondeulle a Acab: –Deus me libre de cederche o que é herdo de meus pais.

4Acab marchou para casa triste e anoxado, polo que lle dixera Nabot de Iezrael: Non che cederei o herdo de meus pais.

Botouse na cama, volto cara á parede, e non quixo comer. 5Entrou onda el Iezabel, a súa muller, e preguntoulle: –Por que estás tristeiro e non queres comer?

6E el contoulle a proposta que lle fixera a Nabot de Iezrael: "Cédeme a túa viña por diñeiro ou, se o prefires, dareiche por ela outra mellor"; e como el lle respondera: "Non che cederei a miña viña".

7A isto díxolle Iezabel, á súa muller: –Seica non es ti quen manda en Israel? Érguete e come. Sentiraste mellor. Eu conseguireiche a viña de Nabot de Iezrael.

8Escribiu cartas no nome de Acab, selounas co cuño real e mandóullelas aos anciáns e nobres da cidade, veciños de Nabot. 9Nesas cartas dicíalles: "Pregoade un xaxún e poñede a Nabot á cabeza do pobo. 10Sentade dous homes ruíns do outro lado, que testemuñen en contra del: "Ti maldixeches a Deus e ao rei". Que entón o saquen para fóra e que o acantacen, ata que morra".

11Os homes da cidade, os anciáns e os nobres, veciños de Nabot, fixeron como lles dicía Iezabel, conforme o escrito nas cartas que ela lles mandara. 12Pregoaron un xaxún e sentaron a Nabot á cabeza do pobo. 13Viñeron despois dous homes, sentaron enfronte del e testemuñaron contra Nabot, á vista do pobo todo: –Nabot maldiciu a Deus e ao rei.

Sacárono fóra da cidade, apedrárono e morreu. 14Entón mandáronlle dicir a Iezabel: –Nabot foi apedrado e morreu.

15Cando viu Iezabel que Nabot fora acantazado e que morrera, foille dicir a Acab: –Anda, vai tomar posesión da viña de Nabot de Iezrael. Non cha quixo vender, pero Nabot xa non vive, está morto.

16Cando Acab soubo que morrera Nabot de Iezrael, foi decontado á súa viña, para tomar posesión. 17Entón chegou esta palabra do Señor a Elías, o texbita: 18–Érguete e baixa ao encontro de Acab, rei de Israel en Samaria. Está agora mesmo na viña de Nabot, onde baixou para tomar posesión dela. 19Diraslle: "Isto di o Señor: Mataches e agora roubas?". Dille: "Isto di o Señor: No mesmo sitio onde os cans lamberon o sangue de Nabot, lamberán tamén o teu".

20Acab díxolle a Elías: –Descubríchesme, meu inimigo.

El respondeulle: –Descubrinte. Xa que te vendiches, facendo o mal aos ollos do Señor, 21aquí veño eu para traer desgrazas contra ti. Varrerei a túa liñaxe, exterminareille a Acab en Israel todo home, o mesmo escravo ca libre. 22Farei coa túa familia coma coa de Ieroboam, fillo de Nabat, e a de Baxá, fillo de Ahías, polo moito que me anoxaches e porque fixeches pecar a Israel. 23Tamén contra Iezabel dixo o Señor: "Os cans devorarán a Iezabel no agro de Iezrael". 24Aos de Acab que morran na cidade, devoraranos os cans, e os que morran no campo, comeranos os paxaros do ceo.

25En verdade, non houbo ninguén que se vendese coma Acab, facendo o mal aos ollos

**20**, 41 Ao quitar a venda, descóbrese que era un profeta, porque estes levaban marcas ou tatuaxes que os identificaban (1 Re **18**, 28; 2 Re **2**, 23; Zac **13**, 6).

**21** Co tema da viña de *Nabot* volvemos aos enfrontamentos de Elías con Acab, que rematan co anuncio da caída da dinastía. O profeta sempre denunciou as inxustizas do poder. Aquí tamén o erro do seu sometemento a unha muller estranxeira.

**21**, 3 A proposta de Acab parece boa, pero Nabot non podía aceptala, pois era como renunciar ao herdo que Deus lle dera a cada tribo e a cada familia, na repartición da terra (Dt **19**, 14; Xos **13**ss; Rut **4**, 9). Cada un tiña que gardar a súa propiedade; e, se chegaba a perdela, rescatala.

**21**, 9s Iezabel xogaba co costume de convocar a asemblea do pobo, cando se producía un mal público (1 Sam **7**, 6; Xl **1**, 14; **2**, 15). A blasfemia facía ao autor reo de morte (Lev **24**, 14-16), e os seus bens pasaban á coroa. Dúas testemuñas chegaban para facer a Nabot culpable (Núm **34**, 30; Dt **17**, 6).

**21**, 17-19 O profeta denuncia o crime e a inxustiza do grande co pequeno, como Natán no caso de David (2 Sam **12**). O cumprimento da profecía do final de Acab, descríbese en 1 Re **22**, 38.

**21**, 21-26 O xuízo profético contra Acab xeneralízase, e vese negativamente toda a súa actividade, coma a de Ieroboam (1 Re **14**, 1-11) e a de Baxá (1 Re **16**, 34).

**21**, 23 Cumprimento do xuízo contra Iezabel en 2 Re **9**, 35s.

do Señor, provocado por Iezabel, a súa muller. [26]Fixo cousas abominables, indo detrás dos ídolos. Asemellouse aos amorreos que o Señor expulsara diante dos israelitas.

[27]Cando Acab oíu estas palabras, rachou as súas vestiduras, vestiuse de saco e xaxuou. [28]Entón chegoulle esta palabra do Señor a Elías, texbita: [29]–Viches como se humillou Acab diante de min? Por esta humildade, non traerei a desgraza nos seus días; traereina sobre a súa familia, nos días de seu fillo.

### O profeta Miqueas

**22** [1]Pasaron tres anos sen guerra entre Aram e Israel. [2]O terceiro ano foi Ioxafat, rei de Xudá, visitar o rei de Israel. [3]Este díxolles aos seus ministros: –Non sabedes que Ramot de Galaad é nosa, e nós estámonos aquí quedos, sen arrincala das mans do rei de Aram? E preguntoulle a Ioxafat: –Virías comigo á guerra contra Ramot de Galaad?

[4]Ioxafat respondeulle ao rei de Israel: –Conta comigo coma contigo, co meu exército coma co teu, coa miña cabalaría coma coa túa. [5]Despois dixo Ioxafat ao rei de Israel: –Gustaríame que consultases agora a palabra do Señor.

[6]O rei de Israel reuniu os profetas, arredor de catrocentos, e preguntoulles: –Debo atacar Ramot de Galaad ou debo desistir?

Respondéronlle eles: –Vai. O Señor entregaraa nas mans do rei.

[7]Ioxafat preguntou: –Non hai aquí aínda un profeta do Señor, ao que poidamos consultar?

[8]Respondeulle o rei de Israel: –Queda aínda un home, polo que se pode consultar ao Señor: Miqueas, fillo de Imlah; pero eu aborrézoo, porque nunca me anuncia cousa boa, senón sempre desgrazas.

Díxolle Ioxafat: –Que o rei non fale dese xeito.

[9]O rei de Israel chamou un servidor e ordenoulle: –Tráeme axiña a Miqueas, fillo de Imlah.

[10]O rei de Israel e Ioxafat, rei de Xudá, estaban os dous sentados ás portas de Samaria, vestidos de traxe real, en cadanseu trono, e os profetas todos en arroubo, diante deles. [11]Sedecías, fillo de Cananah, fixera cornos de ferro e dicía: –Isto di o Señor: "Con estes cornos turrarás nos arameos, ata acabares con eles".

[12]E os profetas a unha profetizaban: –Sube a Ramot de Galaad; terás vitoria; o Señor entregaraa nas mans do rei.

[13]O mensaxeiro que fora en busca de Miqueas, advertiuno: –Mira que os profetas son todos do mesmo parecer, de agoirárenlle vitoria ao rei. Que a túa palabra concerte coa súa, agoirándolle o ben.

[14]Pero Miqueas respondeulle: –Pola vida do Señor! O que me diga o Señor, iso será o que eu direi.

[15]Presentouse Miqueas onda o rei, e este preguntoulle: –Miqueas, podemos ir atacar Ramot de Galaad, ou debemos desistir?

El respondeulle: –Vai, vencerás; o Señor entregaraa nas mans do rei.

[16]Pero o rei advertiuno: –Cantas veces terei que facerche xurar que non me dirás senón a verdade no nome do Señor?

[17]Entón dixo Miqueas: –Estou vendo todo Israel espallado polas montañas, coma rabaño que non ten pastor. E o Señor di: "Estes non teñen pastor. Que cada un se volva en paz para a súa casa".

[18]O rei de Israel díxolle a Ioxafat: –Non cho dicía? Non me agoira nunca ventura, senón sempre desgraza.

[19]Miqueas dixo aínda: –Agora escoita a palabra do Señor. Vin o Señor sentado no seu trono, e todo o exército do ceo onda el, á súa dereita e á súa esquerda. [20]O Señor preguntou: "Quen enganará a Acab, para que suba e pereza en Ramot de Galaad?". E un propuña unha cousa e outro outra. [21]Entón adiantouse o espírito, presentouse diante do Señor e dixo:

**22** Volvemos aos temas de profetas no contexto das guerras arameas. Os LXX xuntan este c. co **20**. Por terceira vez lemos o anuncio do final e da morte de Acab (xa en 1 Re **20**, 35-43 e **21**, 1-26). Pero agora o que chama a atención neste c. é a caracterización do profeta carismático Miqueas e a dos profetas oficiais que se lle enfrontan.

**22**, 1-3 As relacións entre os dous reinos son agora coma de irmáns. Aquí, coma noutras ocasións (2 Re **3**, 4-27; **9**, 16ss), traballan como aliados.

**22**, 6-8 A imaxe é dun profético oficial, que está ao servizo do rei para anunciarlle o que este quere, cando o queira chamar. O rei ponlle na boca a comida e a palabra. O rei de Xerusalén pregunta por outro tipo de profeta. Miqueas é un profeta desprezado, que di o que Deus lle di e que sabe dar razón do espírito que move a uns e a outros. Non se sente dono da palabra, pero Deus confirma o que el dixo no seu nome.

**22**, 11s Sedecías sae do grupo e fai unha acción simbólica, anunciando a vitoria cos cornos (Núm **23**, 13; Dt **33**, 11). Os outros escoitan o que el di.

**22**, 13s O profeta verdadeiro non deixa que ninguén, fóra de Deus, lle poña na boca a palabra (Núm **22**, 20).

**22**, 15 Ese primeiro anuncio de Miqueas é un arremedo irónico da palabra dos outros.

**22**, 18 A idea máxica da palabra do profeta é o que xustifica que non se lle deixe anunciar máis ca boas novas. O que o profeta diga, bo ou malo, cumprirase, porque a súa palabra adianta o feito que anuncia.

**22**, 19-23 A visión de Miqueas quere ir ao fondo do engano que hai nos profetas do rei. Pola mentira de todos, Deus prepara a desgraza de Acab.

"Eu enganareino". E o Señor preguntoulle:
"Como?". [22]E el respondeu: "Irei e fareime espírito de mentira na boca dos seus profetas". A
iso dixo o Señor: "Ti poderalo enganar: vai e
faino". [23]Polo tanto, mira que o Señor puxo un
espírito de mentira na boca deses teus profetas,
porque o Señor ten decretada a túa desgraza.
[24]Entón adiantouse Sedecías, fillo de Cananah, e deulle unha labazada a Miqueas,
preguntándolle: –Como é que se foi de onda
min o espírito do Señor, para irche falar a ti?
[25]Respondeulle Miqueas: –Xa o verás ti
mesmo, o día en que teñas que fuxir dun tobo
noutro, querendo esconderte.
[26]O rei de Israel dispuxo entón: –Prende
a Miqueas e lévallo a Amón, gobernador da
cidade, e a Ioax, fillo do rei, [27]e dilles de parte
do rei: "Metede a este na cadea e taxádelle
pan e auga, ata que eu volva coa vitoria".
[28]A iso dixo Miqueas: –Se de verdade ti
volves con vitoria, é que Deus non falou pola
miña boca.

### Morte de Acab

[29]O rei de Israel e Ioxafat, rei de Xudá, subiron contra Ramot de Galaad. [30]Díxolle o rei
de Israel a Ioxafat: –Voume disfrazar, para
entrar no combate. Ti leva a túa roupa.
E, coa mesma, entrou no combate disfrazado. [31]O rei de Aram déralles aos trinta e
dous xefes de carros esta orde: –Non ataquedes nin a pequeno nin a grande, senón só ao
rei de Israel.
[32]Cando os xefes dos carros viron a Ioxafat, comentaron: –Aquel é certamente o rei
de Israel.
[33]E botáronse enriba del. Pero Ioxafat pegou un berro, e os xefes dos carros viron que
aquel non era o rei de Israel e deixaron de
perseguilo. [34]Un soldado disparou á toa unha
frecha e feriu ao rei de Israel, por entre as
xunturas da coiraza. O rei díxolle ao que
guiaba o seu carro: –Dá volta e sácame do
campo, porque estou malferido.
[35]O combate era moi rexo ese día, e o rei
mantívose ergueito no seu carro, enfronte
dos arameos. Pero á tarde morreu. O sangue
da súa ferida corría por dentro do carro. [36]No
solpor correu polo campamento o clamor:
–Cada un para a súa cidade, cada un para a
súa terra! O rei morreu!
[37]Despois de que o rei morreu, levárono
a Samaria e enterrárono alí. [38]Cando lavaban o seu carro no estanque de Samaria, os
cans lambían o seu sangue, e as prostitutas
lavábanse con ela, conforme a palabra do
Señor.
[39]O resto da historia de Acab, todo o que
fixo, o palacio de marfil e as cidades que
construíu, non está todo escrito no Libro das
Crónicas dos reis de Israel? [40]Acab durmiu
con seus pais e sucedeuno no trono o seu fillo
Ocozías.

### Ioxafat de Xudá

[41]Ioxafat, fillo de Asá, empezou a reinar en
Xudá no ano cuarto de Acab, rei de Israel.
[42]Tiña trinta e cinco anos cando empezou a
reinar, e reinou vinte e cinco anos en Xerusalén. Súa nai chamábase Azubah, filla de
Xilhí.
[43]Seguiu o camiño de Asá, seu pai, sen
afastarse nada del, facendo o que é xusto aos
ollos do Señor. [44]Mais non desapareceron os
altares dos outeiros, e a xente seguía sacrificando e queimando incenso neles. [45]Ioxafat
estivo en paz co rei de Israel.
[46]O resto da historia de Ioxafat, as súas
proezas e as guerras que fixo, non está todo
escrito no Libro das Crónicas dos reis de
Xudá? [47]Ioxafat varreu do país a prostitución
consagrada, que quedara do tempo de Asá,
seu pai. [48]Daquela non había rei en Edom, e
un gobernador facía de rei.
[49]Ioxafat construíuse unha frota de navíos de Tárxix, para ir por ouro a Ufir. Pero
non chegou a saír, porque a frota afundiuse
en Esion-Guéber. [50]Entón Ocozías, fillo de
Acab, propúxolle a Ioxafat: –Que vaian os
meus homes nos navíos cos teus.
Pero Ioxafat non accedeu.
[51]Ioxafat durmiu con seus pais e enterrárono na cidade de seu pai David. Sucedeuno no
trono o seu fillo Ioram.

### Ocozías de Israel

[52]Ocozías, fillo de Acab, empezou a reinar
sobre Israel, en Samaria, no ano dezasete do
reinado de Ioxafat sobre Xudá. Reinou dous
anos sobre Israel.
[53]Ocozías fixo o mal aos ollos do Señor,
seguindo o camiño de seu pai, de súa nai e de
Ieroboam, fillo de Nabat, que fixera pecar a
Israel. [54]Deulle culto a Baal e adorouno, provocando con iso a carraxe do Señor, Deus de
Israel, como fixera tamén seu pai.

**22**, 25-28 Só Deus ten o futuro na súa man. O profeta non teima no anuncio, senón que deixa a Deus ceibe da súa mesma palabra.

**22**, 38 Cumprimento da palabra de Elías, do 1 Re **21**, 19.
**22**, 49 *Navíos de Tárxix*, 1 Re **9**, 26; **10**, 22; 2 Cro **20**, 35-37.

# LIBRO SEGUNDO DOS REIS

## Elías e Ocozías

**1** [1]Despois da morte de Acab, Moab rebelouse contra Israel. [2]Ocozías caeu da varanda do piso alto do seu palacio, en Samaria, e quedou maltreito. Daquela mandou mensaxeiros e encargoulles: –Ide consultar a Baal-Zebub, deus de Ecrón, se curarei destas feridas.

[3]Un anxo do Señor díxolle a Elías texbita: –Sáelles ao camiño aos mensaxeiros do rei de Samaria e pregúntalles: "Seica non hai Deus en Israel, para que teñades que ir consultar a Baal-Zebub, deus de Ecrón? [4]Isto, pois, di o Señor: Do leito ao que subiches, non volverás baixar. Morrerás sen remedio".

E Elías logo marchou. [5]Volveron os mensaxeiros onda o rei e este preguntoulles: –Como é que destes a volta?

[6]Respondéronlle eles: –Saíunos ao paso un home, que nos dixo: "Volvede onda o rei que vos mandou e dicídelle: Isto di o Señor: Seica non hai Deus en Israel, para que teñas que mandar consultar a Baal-Zebub, deus de Ecrón? Por iso, do leito ao que subiches, non volverás baixar. Morrerás sen remedio".

[7]O rei preguntoulles: –Que traza tiña o home que vos saíu ao camiño e que vos dixo esas cousas?

[8]Respondéronlle eles: –O home levaba un manto de pelos, cinguido cun cinto de coiro polo van.

O rei dixo: –Era Elías texbita.

[9]O rei mandou entón un xefe de cincuentena, cos seus cincuenta homes, que fose na súa procura. Atopouno sentado no cume da montaña e díxolle: –Home de Deus, o rei manda que baixes.

[10]Elías respondeulle ao xefe da cincuentena: –Se eu son un home de Deus, que caia lume do ceo e que vos devore, a ti e aos teus cincuenta homes.

Niso caeu lume do ceo e devorounos, a el e aos cincuenta.

[11]O rei mandou entón outro xefe de cincuentena, cos seus cincuenta homes. Foi onda el e faloulle: –Home de Deus, o rei ordena que baixes deseguida.

[12]Elías respondeulle: –Se eu son un home de Deus, que caia lume do ceo e que vos devore, a ti e aos teus cincuenta homes.

Niso caeu un lume de Deus dende o ceo, e devorounos, a el e aos seus cincuenta homes.

[13]O rei mandou por terceira vez un xefe de cincuentena, cos seus cincuenta homes. O xefe, en chegando onda Elías, axeonllouse diante del e suplicoulle: –Home de Deus, que a miña vida e a destes cincuenta homes, servos teus, sexan preciosas para ti. [14]Ves que caeu lume do ceo e devorou os xefes que me precederon, coas súas cincuentenas. Agora, que a miña vida sexa preciosa para ti.

[15]Un anxo do Señor díxolle entón a Elías: –Baixa con el; non lle teñas medo.

E baixou con el onda o rei. [16]Elías díxolle: –Isto di o Señor: Mandaches mensaxeiros consultar a Baal-Zebub, deus de Ecrón, coma se non houbese Deus en Israel, para consultar a súa palabra. Por iso, do leito ao que subiches, non volverás baixar, pois morrerás sen remedio.

[17]E Ocozías morreu, conforme a palabra do Señor por medio de Elías. Como non tiña fillos, sucedeuno no trono o seu irmán Ioram, no ano segundo do reinado de Ioram, fillo de Ioxafat, sobre Xudá. [18]O resto da historia de Ocozías, todo o que fixo, non está escrito no Libro das Crónicas dos reis de Israel?

## Elías, arrebatado cara ao ceo

**2** [1]Cando o Señor ía arrebatar a Elías nun remuíño cara ao ceo, Elías e Eliseo saíron

**1**, 1 A historia de Ocozías, partida pola división artificial do Libro dos Reis, empezou en 1 Re **22**, 52 e remata aquí. Este é o derradeiro relato do ciclo de Elías, agora enfrontado co fillo e sucesor de Acab, como a conciencia crítica. O que neste momento está en xogo é un tema de curación. Tampouco ese é terreo dos baais, senón do Deus do profeta.
**1**, 2 *Baal-Zebub*, "señor das moscas", é unha deformación de Baal-Zebul, Baal Príncipe, deus dunha das cidades filisteas. Maior deformación en Mt **10**, 25; **12**, 24, príncipe dos demoños. O profeta denuncia ao rei que manda consultalo, cando hai en Israel un Deus que é o señor da saúde e da enfermidade, da vida e da morte (Dt **32**, 39).
**1**, 8 Coñecíase a Elías e a outros profetas pola maneira de vestir (1 Re **18**, 46; Zac **13**, 4; Mt **3**, 4).
**1**, 10-14 Ese poder do profeta, maior ca o dun exército armado, xa coñecido en 2 Re **2**, 23-25.

**1**, 15 Elías obedece ao mensaxeiro do Señor.
**2** Empeza o ciclo de Eliseo, que segue deica 2 Re **8**, 29, co relato da súa morte en 2 Re **13**, 14-21. A maior parte do ciclo componse de relatos de milagres, que, coma os milagres de Elías, mostran a acción de Deus nos terreos da fertilidade e da fecundidade, da saúde e da vida. Son os terreos que os profetas tentan de gañar para a teoloxía iavista, en confrontación coas pretensións da relixión naturista cananea. Xunto con eses temas están na tradición de Eliseo as intervencións do profeta nos campos da política e da guerra. En todos eles proclama Eliseo o mesmo que significa o seu nome: Deus é quen salva. Empeza o ciclo con este capítulo, no que Elías, ao despedirse, transfire a Eliseo o seu manto e os seus poderes proféticos.
**2**, 1 Elías é, coma Henoc (Xén **5**, 24; Eclo **44**, 16), arrebatado ao ceo. Pola maneira de dicilo ("foi collido"),

de Guilgal. [2]Elías díxolle a Eliseo: –Queda aquí, porque o Señor mándame a min chegarme a Betel.

Respondeulle Eliseo: –Pola vida do Señor e pola túa vida, que non te deixarei.

E foron os dous a Betel. [3]Saíron os fillos dos profetas que había en Betel ao paso de Eliseo e dixéronlle: –Sabías que o Señor vai arrebatar hoxe o teu amo por enriba da túa cabeza?

Respondeu el: –Xa o sei. Calade!

[4]Elías díxolle a Eliseo: –Queda aquí. O Señor manda que eu me chegue a Iericó.

Respondeulle el: –Pola vida do Señor e pola túa, que non te deixarei.

E foron os dous a Iericó. [5]Os fillos dos profetas de Iericó achegáronse a Eliseo e dixéronlle: –Sabías que o Señor vai arrebatar hoxe o teu amo por enriba da túa cabeza?

Respondeu el: –Xa o sei. Calade!

[6]Elías díxolle a Eliseo: –Queda aquí. O Señor quere que eu me chegue ao Xordán.

Respondeulle el: –Pola vida do Señor e pola túa, que non te deixarei.

E marcharon os dous. [7]Cincuenta homes de entre os fillos dos profetas fóronos seguindo desde lonxe, e detivéronse en fronte deles, mentres eles os dous estaban parados na ribeira do Xordán. [8]Elías colleu o seu manto e dobrouno, e bateu nas augas con el. As augas dividíronse, cara a un lado e cara ao outro, e pasaron os dous a pé enxoito. [9]Despois de que pasaron, Elías díxolle a Eliseo: –Pide o que queiras que faga por ti, antes de que sexa arrebatado do teu lado.

Eliseo pediu: –Que do teu espírito reciba eu dúas partes.

[10]Respondeulle Elías: –Pides cousa difícil. Pero terala, se me ves cando eu sexa arrebatado de onda ti; se non, non a terás.

[11]Mentres ían andando e falando, un carro de lume, con cabalos de lume, separounos, e Elías subiu cara ao ceo nun remuíño. [12]Eliseo ollaba e berraba: –Meu pai, meu pai, carro e condutor de Israel!

Cando deixou de velo, Eliseo colleu a súa túnica e rachouna en dúas. [13]Despois ergueu do chan o manto que lle caera a Elías e foise con el á ribeira do Xordán. [14]Agarrou o manto e bateu con el nas augas, dicindo: –Onde está o Señor, Deus de Elías, onde?

Ao bater as augas co manto, as augas dividíronse, cara a un lado e cara ao outro, e Eliseo pasou. [15]Os fillos dos profetas que había en Iericó vírono desde en fronte e comentaron: –O espírito de Elías pousou en Eliseo.

Entón saíronlle ao encontro, prostráronse diante del [16]e dixéronlle: –Aquí, entre os teus servos, hai cincuenta homes valentes. Deixa que vaian en busca do teu amo, quizais o espírito do Señor o levantou e o botou nun monte ou nun regato.

Eliseo respondeulles: –Que non vaian.

[17]Pero eles insistiron, ata que el se cansou e dixo: –Pois que vaian.

Mandaron cincuenta homes e buscárono por tres días; mais non o atoparon. [18]Volveron onda Eliseo, que seguía en Iericó. E el díxolles: –Non vos dixen que non fósedes?

### Milagres de Eliseo

[19]A xente da cidade díxolle a Eliseo: –Como o noso señor pode ver, a localización da cidade é boa, pero as augas son ruíns e a terra estéril.

[20]Díxolles el: –Traédeme un prato novo e botade nel un pouco sal.

E eles trouxéronllo. [21]El foi onda a fonte e botou o sal nela, ao tempo que dicía: –Isto di o Señor: Eu purifico estas augas. Xa non sairá dela máis esterilidade nin máis morte.

[22]E as augas quedaron puras ata hoxe, conforme a palabra de Eliseo.

[23]De alí subiu Eliseo a Betel e, cando ía polo camiño, saíronlle os rapaces da cidade e moqueábanse del: –Sube, calvo! Sube, calvo!

pensouse de ambos os dous que non morreran, senón que están vivos polos ceos. Revelan a algúns o que viron, e agárdase o seu retorno para a era mesiánica (Eclo **48**, 10; Mal **3**, 23; Lc **8**, 30).

**2**, 3 *Os fillos dos profetas*, agrupacións de seguidores dos profetas, en particular de Eliseo. Agrupacións así xa existían no tempo de Samuel (1 Sam **10**, 5ss).

**2**, 8 Ao *manto* pegouse algo da personalidade do profeta: é un instrumento da súa acción, como a vara de Moisés (Éx **4**, 1ss; **8**, 15). A división das augas do río recorda o que se conta do mar Vermello e do Xordán, cando pasou Israel con Moisés e con Xosué (Éx **14**, 15ss; Xos **3**, 14-17).

**2**, 9s *Dúas partes*, coma o herdo do primoxénito (Dt **21**, 17). O carisma profético de Eliseo pende de que asiste á ascensión de Elías e pode dar testemuño.

**2**, 12 "Pai" é un título que se dá ao profeta; tamén lle chamará así o rei Ioax a Eliseo (2 Re **13**, 14). "Carro" e "condutor" son termos que proceden do campo militar. O profeta, mellor ca un exército, guía e leva a salvo o pobo de Israel.

**2**, 15 Despois de Eliseo, tamén os fillos dos profetas se decatan de que o carisma e a forza taumatúrxica de Elías seguen agora no discípulo.

**2**, 16 Elías non aparece nin morto nin vivo na contorna. Eliseo quere que a cousa quede así envolta no misterio. É o principio da lenda que o supón vivo no ceo, para vir nos días do Mesías.

**2**, 19-22 Saneamento das augas de Iericó, como as de Marah nos días de Moisés (Éx **15**, 25).

**2**, 23-25 Eliseo confírmase cos poderes de Elías, poder de vida e de morte (1 Re **1**, 9-14), para que non quede dúbida de que Deus se revela por eles.

[24]El volveuse para atrás, mirounos e maldíxoos no nome do Señor. Entón saíron dous osos da carballeira e esnaquizaron a corenta e dous de entre os rapaces. [25]De alí foi Eliseo para o monte Carmelo, e desde alí volveu despois para Samaria.

### Ioram de Israel

**3** [1]Ioram, fillo de Acab, empezou a reinar sobre Israel, en Samaria, no ano dezaoito do reinado de Ioxafat en Xudá. Reinou doce anos. [2]Fixo o mal aos ollos do Señor, mais non tanto coma seu pai e súa nai, pois retirou a estela que erixira seu pai en honor de Baal. [3]Persistiu nos pecados que Ieroboam, fillo de Nabat, lle fixera cometer a Israel, sen arredar nada deles.

### Guerra contra Moab

[4]Mesa, rei de Moab, criaba moito gando, e pagáballe ao rei de Israel un tributo de cen mil cordeiros e a la de cen mil carneiros. [5]Pero, á morte de Acab, o rei de Moab rebelouse contra o rei de Israel. [6]Entón o rei Ioram saíu de Samaria e pasou revista a todo Israel. [7]Despois mandoulle esta mensaxe a Ioxafat, rei de Xudá: –O rei de Moab rebelouse contra min. Queres vir ti comigo á guerra contra Moab?

El respondeulle: –Irei. Conta comigo coma contigo, cos meus soldados coma cos teus, coa miña cabalaría coma coa túa. [8]E preguntou: –Que camiño colleremos?

Respondeulle Ioram: –O camiño de Edom.

[9]Os reis de Israel, de Xudá e de Edom puxéronse en movemento. Aos sete días de camiño faltou a auga, tanto para o exército coma para os animais que o seguían. [10]O rei de Israel exclamou: –Ai, o Señor convocou estes tres reis para entregalos nas mans de Moab!

[11]Entón preguntou Ioxafat: –Non hai por aquí un profeta do Señor, para consultar por el co Señor?

Un oficial do rei de Israel respondeulle: –Está aquí Eliseo, fillo de Xafat, que vertía auga nas mans de Elías.

[12]A iso dixo Ioxafat: –El ten a palabra do Señor.

E baixaron onda el o rei de Israel, Ioxafat e o rei de Edom.

[13]Daquela díxolle Eliseo ao rei de Israel: –Que teño eu que ver contigo? Vai onda os profetas de teu pai e onda os profetas de túa nai.

Pero o rei de Israel teimou: –Non; pois o Señor convocou estes tres reis, para entregalos nas mans de Edom.

[14]Niso dixo Eliseo: –Pola vida do Señor dos exércitos, a quen sirvo! Se non fose por Ioxafat, rei de Xudá, a ti non che faría caso ningún nin te miraría á cara. [15]Agora traédeme un músico.

E mentres o home tocaba a arpa, pousouse a man do Señor sobre Eliseo. [16]Eliseo falou: –Isto di o Señor: Abride nese regato seco moitas canles. [17]O Señor di: Non veredes vento nin veredes choiva, pero ese regato seco encherase de auga, e poderedes beber vós, o voso gando e as vosas bestas de carga. [18]Pero isto é pouco aos ollos do Señor. El entregará Moab nas vosas mans. [19]Vós destruiredes as súas prazas fortes e as cidades fortificadas, tronzaredes as árbores mellores, cegaredes as fontes e cubriredes de pedras os seus máis vizosos agros.

[20]Pola mañá, á hora da ofrenda, corría a auga da parte de Edom, alagando toda a bisbarra. [21]Os moabitas, ao seren informados de que aqueles reis querían atacalos, chamaran a todos os homes rexos para a guerra e puxéranos nas fronteiras. [22]Ao erguérense de mañá, cando o sol brillaba nas augas, os moabitas víanas alá, en fronte deles, rubias coma o sangue. [23]E exclamaron: –Isto é sangue! De seguro que os reis botaron man das súas espadas e matáronse uns aos outros. Agora, Moab, aos espolios!

[24]Mais, chegados ao campamento de Israel, o exército israelita levantouse e derrotou os

**3** No reinado de *Ioram* o historiador recolle un feito no que intervén Eliseo como árbitro da vida e da morte, na súa condición de mensaxeiro do Señor. É a guerra contra Moab, que Israel cos seus aliados Xudá e Edom conduce polo sur. Mesa, o rei de Moab, fortificárase polo norte e negáralle a Israel o pago do tributo. Deixou unha estela escrita na que conta a vitoria que lle deu a independencia. O relato bíblico chámalle desfeita, porque o país de Moab quedara daquela arrasado.

**3**, 7 O relato presenta a *Ioxafat*, rei de Xudá, coma en 1 Re **22**, 29ss, cando vai con Acab a Ramot de Galaad. Agora esperaríase que fose Ioram, e non Ioxafat.

**3**, 8 O longo camiño do sur xustifícase porque Edom, ao sur, vai tamén como aliado de Israel, e para coller desprevido a Moab.

**3**, 11 A consulta ao profeta é requirida polo rei de Xudá, máis mirado ca o de Israel, coma en 1 Re **22**, 7. Consúltase para saber se hai que expiar primeiro algunha culpa e para saber o parecer do mensaxeiro do Señor. O profeta segue indo co exército á guerra, coma sempre.

**3**, 13 Refírese aos 450 profetas que en 1 Re **22** aparecen, con Sedecías, enfrontados co profeta Miqueas. No posto deste é agora Eliseo quen lles bota o desafío desde lonxe.

**3**, 15 O profeta acode á música para prepararse á inspiración.

**3**, 18s Oráculo de vitoria, cousa que é de esperar do profeta que vai á guerra.

moabitas, que fuxiron diante deles. Entraron no territorio de Moab e arrasárono. [25]Destruíron as súas cidades, o bo terreo cubrírono de pedras, cada un tirou a súa; cegaron as fontes e tallaron as árbores mellores. De Quir-Haráxet quedaron soamente as pedras, despois de que a cercaron e a destruíron os arqueiros. [26]Vendo que non podía soster a loita, o rei de Moab colleu consigo setecentos homes armados de espadas, para abrirse camiño cara ao reino de Edom; pero non puideron conseguilo. [27]Entón colleu o seu fillo primoxénito, o que ía ser o sucesor, e sacrificouno enriba das murallas. Daquela houbo tan grande indignación contra os israelitas, que estes marcharon de alí e volveron para a súa terra.

### O aceite da viúva

**4** [1]A muller dun dos fillos dos profetas laiouse ante Eliseo: –O meu home, o teu servo, morreu, e ti sabes que el era unha persoa que respectaba o Señor. Agora veu o acredor, para levarme de escravos os dous fillos.

[2]Eliseo preguntoulle: –Que podo facer por ti? Dime que tes na túa casa.

Respondeulle ela: –A túa serva non ten na casa máis ca unha aceiteira de aceite.

[3]El díxolle: –Sae fóra e pídelles olas emprestadas ás veciñas; non quedes curta en traer olas baldeiras. [4]Logo, entra na túa casa e pechádevos nela, ti e mais os teus fillos. Enches de aceite esas olas e vas apartando as que estean cheas.

[5]A muller foi e pechouse na casa, ela e os seus fillos. Eles acercábanlle as olas, e ela enchíaas de aceite. [6]Cando xa estaban todas cheas, díxolle a un dos fillos: –Dáme outra ola.

El díxolle: –Xa non queda ningunha.

E o aceite parou de correr. [7]Ela foillo contar ao home de Deus, e este díxolle: –Vai e vende o aceite e págalle ao teu acredor. Ti e mais os teus fillos viviredes co que sobra.

### O fillo da xunamita

[8]Un día que pasaba Eliseo por Xunam, unha muller rica porfioulle que quedase a xantar. Desde aquela, cada vez que pasaba por alí, detíñase a comer. [9]A muller díxolle ao seu home: –Escoita, eu sei que ese home de Deus, que pasa sempre por aquí, é un santo home. [10]Podiámoslle preparar arriba no faiado un cuarto pequeno, cunha cama, unha mesa, unha cadeira e un candeeiro, para que poida descansar, cando pase por onda nós.

[11]Un día que Eliseo pasaba por alí, retirouse ao cuarto e durmiu nel. [12]Díxolle a Guehazí, o seu criado: –Chama por esa xunamita.

El chamouna, e ela presentouse diante del. [13]Eliseo mandoulle dicir: –Escoita, ti colliches por nós moitas canseiras. Que podo eu facer por ti? Se queres, recoméndote ao rei ou ao xefe do exército.

Respondeu ela: –Eu vivo coa miña xente.

[14]Pero Eliseo insistiu: –Que se pode facer por ela?

[15]Guehazí dixo: –Unha cousa: ela non ten fillos, e o seu home é vello.

[16]Daquela dixo Eliseo: –Chama por ela.

El chamouna, e ela presentouse onda a porta. Eliseo anuncioulle: –O ano que vén, por estas datas, terás un fillo no colo.

Ela dixo: –Non, meu señor. Non enganes a túa serva, home de Deus.

[17]Pero a muller concibiu e pariu un fillo no ano seguinte, naquelas datas, segundo lle dixera Eliseo. [18]O neno medraba ben. Un día saíu en busca de seu pai, que andaba na seitura, [19]e empezou a berrar cara a el: –Ai, a miña cabeza!; ai, a miña cabeza!

O pai díxolle a un criado: –Lévallo á súa nai.

[20]E el colleuno e levoullo á nai. O neno estivo no seu colo ata o mediodía, e nese instante morreu. [21]Ela levouno arriba e deitouno no leito do home de Deus. Logo pechou a porta e saíu. [22]Chamou polo seu home e díxolle: –Mándame un criado cunha burra. Voume chegar deseguida onda o home de Deus, e logo volvo.

[23]El preguntoulle: –Por que vas onda el hoxe, que non é lúa nova nin sábado?

Pero ela respondeulle: –Queda con Deus.

[24]Fixo arrear a burra e díxolle ao criado:

**3**, 26 Que vai facer o fuxidío rei de Moab a Edom, se este era un dos inimigos aliados contra el? Por iso algúns prefiren ler Aram.

**3**, 27 Texto escuro. Ao ser sacrificado o herdeiro do reino de Moab ao deus Kemox, este encirraríase contra os israelitas. Ou trátase da carraxe dos moabitas? En calquera dos casos, os israelitas retiráronse.

**4** Milagres de Eliseo, que falan do poder de Deus sobre a fecundidade e a esterilidade, a vida e a morte. O Deus de Israel vai conquistar polo seu profeta eses terreos que pertencían a Baal, na crenza dos cananeos e mesmo de parte dos israelitas.

**4**, 1-7 Datos para facerse unha imaxe dos fillos dos profetas. Un milagre de multiplicación da comida.

**4**, 13 A muller non ve de que lle serve unha recomendación ante o rei. As axudas que lle poidan cumprir viranlle da súa familia.

**4**, 15 Desde as historias dos patriarcas os fillos son recoñecidos como regalo de Deus (Sal **127**; **128**).

**4**, 22 Nese momento á muller non lle serve ninguén, senón o home de Deus que lle anunciara ese fillo. O Deus que llo dera por medio del, poderá quizais darllo outra vez.

–Colle o ramal e camiña. Se eu non cho mando, non me fagas deter no camiño.
25E púxose a camiñar, para encontrarse co
home de Deus, que estaba no monte Carmelo. Cando o home de Deus a viu vir desde
lonxe, díxolle ao seu criado: –Alí chega a xunamita. 26Vai agora mesmo correndo ao seu
encontro e pregúntalle se están ben ela, o seu
home e o seu neno.
Ela respondeulle: –Estamos ben.
27Pero, en chegando onda o home de Deus,
na montaña, abrazouse aos seus pés. Guehazí
foi para apartala, mais o home de Deus díxolle: –Déixaa, pois a súa alma está amargada,
e o Señor ocultoumo e non mo comunicou.
28Ela dixo: –Pedinlle eu quizais un fillo
ao meu señor? Non che dixen que non me
enganases?
29Eliseo dixo a Guehazí: –Cínguete co meu
cinto, colle na man o meu bastón e ponte en
camiño. Se atopas con alguén, non pares para
saudalo; se te saúda el, non lle respondas. Vai
e pon o meu bastón sobre a cara do neno.
30Pero a nai do neno exclamou: –Polo
Deus vivo e pola túa vida, que non te deixarei.
Entón Eliseo foi canda ela. 31Guehazí
colleulles a dianteira e foi poñer o bastón sobre
a cara do neno; mais este non falaba nin daba
sinal de vida. Volveu onda Eliseo e díxolle:
–O neno non esperta.
32Eliseo entrou na casa e atopou o neno
morto, deitado no seu leito. 33Pechou a porta
por dentro, tras os dous, e oroulle ao Señor.
34Logo subiu no leito e deitouse enriba do
neno, estendido sobre el, a boca coa boca,
os ollos cos ollos, e as mans coas mans. E o
corpo do neno foi quecendo. 35Eliseo púxose
entón a dar voltas pola casa, de acá para alá,
e volta a subir no leito e tenderse enriba do
neno. Así ata sete veces. Niso o neno espirrou e comezou a abrir os ollos. 36Eliseo chamou a Guehazí, para dicirlle: –Chama por
esa xunamita.
El chamouna. Entrou ela onda Eliseo, e
este díxolle: –Anda, colle o teu neno.
37Ela entrou e botouse aos seus pés, prostrándose por terra. Despois colleu o fillo e saíu.

**4**, 29 O bastón do profeta, coma a vara de Moisés (Éx **4**, 17).
**4**, 34s O espírito de vida vén de Deus polo home de Deus (1 Re **17**, 17ss; Ez **37**, 1ss; Feit **20**, 9ss).
**4**, 38-41 Primeiro foran saneadas as augas (2 Re **2**, 19-21); agora, a comida. Proclama que Deus ten a chave da enfermidade e da saúde.
**4**, 42-44 Multiplicación do pan. Deus ten na súa man o sustento da xente: El mesmo é o sustento (Mt **14**, 13-21; **15**, 32-38).

### Outros milagres

38Eliseo volveu para Guilgal. No país pasábase fame. Os fillos dos profetas estaban
con Eliseo, e este díxolle ao seu criado: –Pon
no lume a ola grande e prepara un caldo para
todos.
39Un deles saíu ao campo, pescudando unhas
herbas. Atopou unha planta brava e colleu uns
amorodos, ata encher deles o manto. Volveu
con eles, partiunos e botounos na ola do caldo
sen saber o que eran. 40Botáronlles aos homes
o xantar, e en canto estes probaron a comida,
empezaron a berrar: –A morte na ola, home
de Deus!
E non puideron comer. 41Eliseo ordenoulles entón: –Traédeme fariña.
El botouna na ola e dixo: –Sírvella á xente, e que coma.
Na ola non había xa cousa danosa. 42Daquela chegou de Baal-Xalixah un home, que
lle traía ao home de Deus o pan das primicias: vinte pans de cebada e trigo novo na alforxa. Eliseo díxolle: –Dállos á xente, e que
coman.
43O seu servidor preguntoulle: –Que é isto
para cen persoas?
A iso Eliseo respondeu: –Dállos á xente,
e que coman, pois isto di o Señor: Comerán
e sobrará.
44El serviullos á xente, que comeu; e aínda
sobrou, conforme a palabra do Señor.

### Cura de Naamán

**5** 1Naamán, xefe do exército do rei de Aram,
era un home de prestixio, tido polo seu
amo en moita estima, porque por el déralle
o Señor vitorias a Aram. Pero este home valente era leproso. 2Nunha das súas batidas, os
arameos levaran cativa do país de Israel unha
rapaza nova, que quedou logo de criada onda
a muller de Naamán. 3Díxolle á súa señora:
–Oxalá o meu señor fose onda o profeta que
hai en Samaria. El si que o libraría da súa
enfermidade.
4Naamán foille dicir ao seu soberano o
que a rapaza israelita dixera. 5O rei de Aram
aconsellouno: –Vai alá. Eu dareiche unha
carta para o rei de Israel.

**5**, 1ss A cura de Naamán é unha nova afirmación do señorío de Deus sobre a saúde e a enfermidade, a vida e a morte, tamén máis alá das fronteiras de Israel. Nas palabras do rei de Israel, soamente Deus ten ese señorío. O profeta vai máis adiante e fai ver esa realidade, na súa mediación. O fin do milagre é a conversión e o seguimento de quen se revela como Deus.
**5**, 1 A enfermidade de Naamán non parece que fose a lepra, senón outra enfermidade das moitas que hai da pel.

E Naamán púxose en camiño, levando consigo dez talentos de prata, seis mil siclos de ouro e dez mudas de vestir. [6]Levaba tamén a carta para o rei de Israel, na que se dicía: "En recibindo esta carta, verás que che mando o meu ministro Naamán, para que o sandes da lepra". [7]Cando o rei de Israel leu esta carta, rachou a súa roupa e exclamou: –Seica son eu un deus, con poder de dar a morte ou a vida, para que ese me mande dicir que sande un home da lepra? Fixádevos ben e veredes que me está provocando.

[8]Cando o home de Deus, Eliseo, oíu que o rei de Israel rachara a súa roupa, mandoulle dicir: –Por que rachas a roupa? Que veña onda min, e saberá que hai un profeta en Israel.

[9]Foi, pois, Naamán, cos seus cabalos e os seus carros, e parou na entrada da casa de Eliseo. [10]Eliseo mandoulle dicir, por medio dun mensaxeiro: –Vai e lávate sete veces no Xordán, e o teu corpo quedará limpo.

[11]Naamán enfadouse, e marchaba, dicindo: –Eu pensei que sairía el mesmo ao meu encontro, que se poría a invocar o nome do Señor, o seu Deus, que pasaría logo a súa man sobre a parte danada e que con iso me libraría da miña enfermidade. [12]Seica non valen máis os ríos de Damasco, o Abanah e o Parpar, ca todas as augas de Israel? Non podo bañarme neles, e así quedar limpo?

E con esas deu volta e marchaba anoxado. [13]Daquela chegáronse onda el os seus criados e dixéronlle: –Señor, se o profeta che mandase algo difícil, non o farías? Canto máis se só che mandou: Lávate e quedarás limpo.

[14]Baixou el entón ao Xordán e mergullouse na súa auga sete veces, segundo lle mandara o home de Deus. A súa carne tornouse entón coma a dun neno pequeno, e quedou limpo. [15]Volveu Naamán con toda a súa compaña onda o home de Deus e presentóuselle, dicindo: –Agora recoñezo que non hai deus en toda a terra, fóra do Deus de Israel. Acepta, pois, un regalo do teu servo.

[16]Respondeulle Eliseo: –Polo Señor vivo a quen sirvo, que non aceptarei cousa ningunha.

E por moito que lle insistiu para que aceptase, el negouse. [17]Naamán dixo entón: –Pois logo, permite que o teu servo leve unha carga desta terra, a que poidan cargar dúas mulas, pois o teu servo non ofrecerá holocaustos nin sacrificios a deus ningún, senón só ao Señor. [18]E que o Señor me perdoe unha cousa. Cando o meu amo entre no templo de Rimón para adoralo, apoiado na miña man, e eu mesmo me prostre tamén no templo de Rimón, que o Señor perdoe ao teu servo este feito.

[19]A iso díxolle Eliseo: –Vai en paz.

Naamán afastárase xa un longo treito, [20]cando Guehazí, criado do home de Deus, Eliseo, se puxo a pensar: O meu amo foi mirado de máis con ese arameo, Naamán, non aceptando cousa ningunha de canto lle ofrecía. Polo Señor vivo! Vou correndo tras el, a ver se me dá algunha cousa. [21]Guehazí botouse detrás de Naamán. Ao velo este correndo detrás del, tirouse do seu carro e saíulle ao encontro. E preguntoulle: –Vai todo ben?

[22]–Ben. Pero o meu amo mandoume dicirche que acaban de chegar onda el dous mozos dos fillos dos profetas, da montaña de Efraím. Dáme para eles, por favor, un talento de prata e dúas mudas de vestir.

[23]Naamán respondeulle: –Mellor que aceptes dous talentos.

E insistiu, ata meterlle en dúas bolsas dous talentos de prata e dúas mudas, que llelos entregou a dous criados para que os levasen ante Guehazí. [24]Cando eles chegaron ao outeiro, Guehazí colleuno todo e gardouno na súa casa. Logo despediu os homes, e estes fóronse. [25]Despois foi Guehazí presentarse ao seu amo. Eliseo preguntoulle: –De onde vés, Guehazí?

El respondeulle: –O teu servo non foi a ningún lado.

[26]Eliseo díxolle: –Non ía contigo o meu espírito, cando un home saltaba do seu carro ao teu encontro? Son horas de coller prata e vestidos e de adquirir oliveiras e viñas, rabaños e gando, servos e servas? [27]A lepra de Naamán apegaráseche a ti e aos teus descendentes, para sempre.

E Guehazí saíu co mal gafo de onda el, dun brancor coma de neve.

**5**, 6-8 O rei de Aram non distingue entre a maxia e a relixión, cousa que fai o rei de Israel, mesmo tampouco el non sabe de que vai. O profeta é a testemuña e o instrumento da forza do Señor para sandar.

**5**, 11s A decepción de Naamán serve para pór en claro que o que conta no milagre non é a vestimenta, a acción ou a auga, senón a actitude do home, o cambio da persoa.

**5**, 17-19 Aínda que está mesturada coa idea máxica da terra e se non distingue entre a idolatría só formal e a verdadeira, a actitude de Naamán acaba sendo a dun convertido que recoñece ao Señor.

**5**, 20-27 O criado de Eliseo atrae a enfermidade de Naamán (Núm **12**, 10), por querer tirar proveito para si da función do profeta (Miq **3**, 5).

### O machado na auga

**6** [1]Os fillos dos profetas dixéronlle a Eliseo: –O sitio onde vivimos contigo énos estreito de máis. [2]Déixanos ir onda o Xordán. Cada un collerá unha viga, e faremos alí un sitio para vivir.

El respondeulles: –Ide.

[3]Un de entre eles pediulle: –Fainos este favor: Ven ti tamén cos teus servos.

El respondeulles: –Irei.

[4]E Eliseo foi con eles. Chegaron onda o Xordán e puxéronse a cortar madeira. [5]Cando un deles cortaba a súa árbore, caeulle na auga a folla do machado, e empezou a berrar: –Ai, meu señor, que era emprestado!

[6]O home de Deus preguntoulle: –Onde caeu?

E o outro indicoulle o sitio. Eliseo cortou unha póla e botouna alí, e o machado emerxeu. [7]Díxolle: –Cólleo.

E o outro estendeu a man e agarrouno.

### Eliseo cega o exército arameo

[8]O rei de Aram facíalle a guerra a Israel. Celebrou consello cos seus ministros e tomou esta decisión: –Poñeremos o campamento naquel sitio.

[9]Entón o home de Deus mandoulle dicir ao rei de Israel: –Gárdate de pasar por ese sitio, pois están para baixar alí os arameos.

[10]O rei de Israel mandou recoñecer o lugar que dixera o home de Deus, tomando as debidas precaucións. Iso mesmo pasou non unha nin dúas veces. [11]O rei de Aram estaba inquedo por tal feito e convocou os seus oficiais para dicirlles: –Dirédesme quen de nós informa o rei de Israel?

[12]Un dos oficiais respondeulle: –Non, rei, meu señor. É Eliseo, un profeta que hai en Israel, quen informa o rei de Israel das palabras que ti dis mesmo na túa alcoba.

[13]O rei ordenou entón: –Ide ver onde está e mandarei prendelo.

Dixéronlle: –Está en Dotán.

[14]E el mandou alá unha forte compañía de soldados, con cabalos e carros. Chegaron alí de noite e cercaron a cidade. [15]O criado do home de Deus ergueuse cedo e viu, ao saír, que o exército cercaba a cidade, con cabalos e carros. E díxolle ao home de Deus: –Ai, meu señor, como faremos?

[16]Respondeulle el: –Non teñas medo, pois hai máis connosco ca con eles.

[17]Eliseo orou: –Señor, ábrelle os ollos para que vexa.

E o Señor abriu os ollos do criado, e este viu o monte cuberto de cabalos e de carros de lume, que cercaban a Eliseo. [18]Cando os arameos baixaban onda Eliseo, este pediulle ao Señor: –Deixa cega esta xente.

E quedaron todos cegos, conforme pedira Eliseo. [19]Este díxolles: –Non é este o camiño nin é esta a cidade. Seguídeme, que eu vos levarei onda o home que buscades.

E conduciunos a Samaria. [20]Cando entraban en Samaria, Eliseo pediu: –Señor, ábrelles os ollos a estes e que vexan.

O Señor abriulles os ollos e decatáronse de que estaban no medio de Samaria. [21]O rei de Israel, ao velos, preguntoulle a Eliseo: –Mátoos, meu pai?

[22]El respondeulle: –Non os mates. Ou matarías coa túa espada e co teu arco aqueles que ti non colliches prisioneiros? Sírvelles pan e auga, que coman e que beban, e que volvan onda o seu amo.

[23]O rei preparoulles un banquete e, despois de que comeron e beberon, despediunos e eles volveron onda o seu señor. As bandas arameas non volveron entrar no territorio de Israel.

### O cerco de Samaria

[24]Transcorrido algún tempo, Benhadad, rei de Aram, reuniu os seus exércitos e foi poñerlle cerco a Samaria. [25]Daquela en Samaria pasábase moita fame. O cerco era tan estreito, que a cabeza dun burro se chegou a pagar a oitenta siclos de prata, e un cuarto de maquía de esterco de pomba a cinco siclos. [26]Pasando o rei pola muralla, berroulle unha muller: –Socórreme, rei, meu señor!

[27]O rei respondeulle: –Se non te socorre o Señor, con que poderei facelo eu? Con algo da artesa ou algo da adega? [28]E despois preguntoulle: –Que é o que che pasa?

E ela respondeulle: –Esta muller propúxome: "Trae o teu fillo e comámolo hoxe, e mañá comeremos o meu". [29]Cocemos o meu fillo e comémolo, e cando, ao outro día, eu lle dixen: "Trae agora o teu fillo e comámolo, ela escondeuno".

**6**, 1-7 No pequeno círculo dos fillos dos profetas: unha nova experiencia do acorro de Deus, tamén nas cousas pequenas.
**6**, 8-23 O profeta é testemuña de presenza de Deus nas relacións entre os pobos: nas guerras de Israel cos arameos. O relato descobre unha orde de seguridade e de valentía, que non ten par nas armas dos exércitos. Os que ían prender o profeta, encóntranse vencidos por el, protexidos e agasallados.
**6**, 24-33 Nese cadro de extrema carestía e de humanidade descomposta, o rei ten claro que só Deus pode axudar; pero fáltalle a esperanza.
**6**, 25 *Esterco de pomba*, texto incerto.

[30]Cando o rei oíu o que dicía a muller, rachou a súa roupa. Como pasaba por riba da muralla, a xente puido ver que por dentro da roupa, ía vestido de saco. [31]Daquela o rei xurou: –Que Deus me castigue, se a cabeza de Eliseo, fillo de Xafat, queda hoxe enriba dos seus ombros.

[32]Ao tempo, Eliseo atopábase na súa casa e os anciáns sentados con el. O rei mandou diante del un mensaxeiro. Pero, antes de que este chegase, Eliseo díxolles aos anciáns: –Sabedes que ese fillo de asasino mandou alguén que me cortase a cabeza? Mirade, cando chegue o mensaxeiro, vós cerrádeslle a porta e empurrádelo con ela. Non se senten xa detrás del os pasos do seu amo?

[33]Aínda estaba el falando con eles, cando chegou o rei e dixo: –Esta desgraza mandouna o Señor. Que podemos aínda esperar del?

### Liberación de Samaria

**7** [1]Eliseo dixo entón: –Escoita a palabra do Señor: mañá, destas horas, unha fanega de flor de fariña conseguirase por un siclo, e por un siclo tamén dúas fanegas de orxo, ás portas de Samaria.

[2]O oficial que lle daba o seu brazo ao rei para apoio replicoulle ao home de Deus: –Aínda que abrise Deus fiestras no ceo, pasaría tal cousa?

El respondeulle: –Halo ver cos teus ollos, pero ti non o probarás.

[3]Ás portas de Samaria sentaban catro leprosos, que estaban con esta conversa: –Que estamos facendo aquí, agardando a morte? [4]Se decidimos entrar na cidade, coa fame que hai nela, morreremos alí; se quedamos aquí, morreremos tamén. Vamos agora mesmo ao campamento arameo. Se nos deixan con vida, viviremos; e se nos matan, matáronnos.

[5]Ao anoitecer decidíronse a entrar no campamento arameo e, cando chegaron cerca del, viron que alí non había ninguén. [6]O Señor fixera resoar no campamento arameo estrondo de carros e cabalos e dun exército poderoso; e entón dixéronse uns aos outros: –O rei de Israel contratou contra nós os reis hititas e os exipcios.

[7]E niso, ao anoitecer, saíron todos fuxindo, abandonando os seus cabalos e os seus carros e o campamento como estaba; e escaparon para salvaren as súas vidas. [8]En chegando ao campamento, os leprosos aqueles entraron nunha tenda, onde puideron comer e beber e de onde levaron prata, ouro e roupa, que foron acochar. Despois entraron noutra tenda, colleron tamén o que había e fórono esconder. [9]Daquela falaron entre eles: –O que estamos facendo non é xusto. Hoxe é un día de boas novas. Se calamos e esperamos que amañeza, caeremos en culpa. Vamos coa nova ao palacio do rei, agora mesmo.

[10]Foron á cidade, chamaron polos gardas da porta e informaron: –Fomos ao campamento arameo e vimos que alí non había ninguén nin se oía voz de home; soamente cabalos e burros amarrados, e as tendas tal e como as ergueran.

[11]Os gardas fixérono saber, e levaron a nova ata o palacio real. [12]O rei ergueuse de noite e comentou cos seus ministros: –Vouvos dicir o que argallan os arameos contra nós. Saben que estamos famentos e saíron do campamento para se agocharen na campía. Pensan que nós sairemos da cidade, e que poderán collernos vivos e entrar na cidade.

[13]Un dos ministros propuxo: –Collamos cinco cabalos, dos que nos quedan aínda na cidade, pois ao cabo están perecendo coma a xente de Israel, e mandémolos pescudar que é o que pasa.

[14]O rei mandou uns homes que collesen dous carros con cabalos e que fosen detrás do exército arameo; e ordenoulles: –Ide e mirade o que pasa.

[15]Eles fóronos seguindo ata o Xordán, e viron que todo o camiño estaba cheo de roupa e de obxectos que, na présa por escapar, ían guindando os arameos. Os mensaxeiros deron a volta e contáronllo ao rei. [16]Daquela saíu a xente toda saquear o campamento arameo. A fanega de flor de fariña chegou a venderse por un siclo, e por un siclo tamén dúas fanegas de orxo, conforme a palabra do Señor. [17]O rei encargara a garda da porta ao oficial que lle daba apoio co seu brazo,

**6**, 32s O historiador quere asentar que os reis non salvaron a Israel; non fixeron nese sentido cousa boa, nin puxeron a esperanza na boa dirección, nin sequera gardaron compostura diante dos profetas que os podían aconsellar. Ese foi o caso de Acab co profeta Elías (1 Re **18**, 1ss) e o de Acaz con Isaías (Is **7**).

**7** O profeta anuncia a liberación de Samaria. Eliseo quere afirmar que Deus salva o seu pobo, mesmo se o pobo non pon a esperanza nel, nin se decatan nin pobo nin rei de que é Deus quen os salva.

**7**, 3ss Os leprosos son aquí os que teñen a mente máis limpa e máis esperto o sentido do deber.

**7**, 6 Calquera cousa pode converterse en instrumento de Deus.

**7**, 12 O rei aparece, coma sempre, alleo ao que está en xogo.

**7**, 16-20 Atención ao cumprimento das palabras de Eliseo sobre a liberación de Samaria. O autor non nos deixa esquecer que un dos seus temas preferidos é o do funcionamento da palabra de Deus.

e a xente atropelouno onda a mesma porta,
e morreu, segundo dixera o home de Deus,
cando fora o rei falar con el. [18]O home de
Deus dixéralle ao rei: "Mañá destas horas,
ás portas de Samaria, dúas fanegas de orxo
compraranse por un siclo, e por un siclo tamén unha fanega de flor de trigo". [19]Ao que o
oficial do rei lle respondera: "Aínda se o Señor abrise fiestras no ceo, pasaría tal cousa?".
Ao que Eliseo respondera: "Halo ver cos teus
ollos, pero ti non o probarás". [20] Iso foi o que
lle pasou. A xente atropelouno onda a mesma
porta e morreu.

### Volta da xunamita

**8** [1]Eliseo díxolle á nai do neno que el
reanimara: –Vai, colle a túa familia, e ide
vivir onde vos pareza; porque o Señor chamou
a fame e asoballará este país por sete anos.

[2]A muller puxo por feito o que home de
Deus lle dicía. Marchou coa súa familia á
terra dos filisteos e estivo alí sete anos. [3]Ao
cabo dos sete anos, regresou de onda os filisteos, e foi reclamar cabo do rei a súa casa
e os seus eidos. [4]O rei estaba nese intre de
conversa con Guehazí, criado do home de
Deus, pedíndolle que lle contase os milagres
que fixera Eliseo. [5]Cando lle estaba referindo
como fixera revivir un neno morto, presentouse alí a nai do neno, reclamando do rei a
súa casa e os seus eidos. Guehazí dixo: –Rei,
meu señor, esta é a muller e este é o neno que
Eliseo reanimou.

[6]O rei interrogou entón a muller e ela contoulle todo. Despois puxo o rei un oficial ás
súas ordes, con este mandato: –Fai que lle
volvan a esta muller todo o que é dela, xunto cos réditos da terra, desde o día en que a
abandonou ata agora.

### Eliseo e Hazael

[7]Eliseo chegouse logo a Damasco. Benhadad, rei de Aram, atopábase doente, e anunciáronlle que chegara alí o home de Deus.
[8]Entón díxolle o rei a Hazael: –Leva contigo
un regalo, vai onda o home de Deus e consulta por el ao Señor se sandarei ou non desta
doenza.

[9]Hazael foi axiña onda o home de Deus, levando consigo un regalo de corenta camelos
cargados cos mellores produtos de Damasco.
Chegou alá e presentóuselle, dicindo: –O teu
fillo Benhadad, rei de Aram, mandou que che
consultase se o rei sandará desta doenza.

[10]Eliseo respondeulle: –Vai e dille que certamente sandará desa doenza. Pero o Señor
reveloume que sen remedio vai morrer.

[11]Despois o home de Deus quedou coa
cara fixa, alterado e turbado, e botouse a chorar. [12]Hazael preguntoulle: –Por que chora o
meu señor?

El respondeulle: –Porque sei o dano que
ti lles farás aos israelitas: queimarás as súas
facendas, matarás coa espada os máis novos,
esmagarás os seus nenos e abrirás o ventre as
mulleres embarazadas.

[13]A iso dixo Hazael: –Pero quen é o teu
servo, este can, para que poida facer cousas
tan terribles?

Respondeulle Eliseo: –O Señor fíxome
ver que serás rei de Aram.

[14]Hazael marchou de onda Eliseo e volveu
xunta o seu amo. Este preguntoulle que lle
dixera Eliseo. El respondeulle: –Díxome que
sandarás.

[15]O día seguinte colleu Hazael un cobertor, enchoupouno de auga, estendeullo enriba
da cara e o rei morreu. Hazael sucedeuno no
trono.

### Ioram de Xudá

[16]No ano quinto do reinado de Ioram, fillo
de Acab, en Israel, empezou a reinar en Xudá
Ioram, fillo de Ioxafat. [17]Tiña trinta e dous
anos e reinou oito anos en Xerusalén. [18]Seguiu
o camiño dos reis de Israel, como fixera a familia de Acab, de quen tomou unha filla por
muller. Fixo o mal aos ollos do Señor. [19]Mais
o Señor non quixo esmagar a Xudá (aínda
con iso), por mor do seu servo David, a quen

**8**, 1-6 Segue a historia da xunamita, comezada en 2 Re **4**, 8-37. O presente relato, de emigración en tempos de fame e despois volta á terra, é parella á historia de Elías (1 Re **17**), para non falar das tradicións dos patriarcas e do libro de Rut.

**8**, 5 Na ausencia da muller, outros -quizais os funcionarios do rei- botaran man dos seus bens.

**8**, 7-15 Un anuncio profético, co correspondente cumprimento. Mostra a actividade do profeta máis alá de Israel. Xa no ciclo de Elías estaba prevista a acción do Señor polo profeta no reino de Aram (1 Re **19**, 15). No pranto de Eliseo estase adiantando outro anuncio, que terá na súa hora o correspondente cumprimento.

**8**, 8 A consulta do rei de Aram sobre a saúde ao Deus de Israel, ten xa un precedente no caso de Naamán (2 Re **5**), e un contrapunto no caso do rei de Israel, Ocozías, consultando a Baal Zebub (1 Re **1**, 2ss).

**8**, 10 Non morrerá da enfermidade, pero morrerá asasinado polo mesmo Hazael, que usurpa o seu trono (v. 15).

**8**, 11 As expresións de Eliseo traducen o seu sentimento por ese futuro que está vendo. É unha maneira de anuncialo.

**8**, 18 Ioram meteu en Xudá os costumes idolátricos de Israel, polo seu matrimonio con Atalía, filla de Acab (ou irmá: v. 26).

lle prometera manterlle sempre unha lámpada, a el e aos seus fillos. [20]Nos días de Ioram rebelouse Edom contra o dominio de Xudá e proclamouse un rei. [21]Ioram pasou a Seir con todos os seus carros. Erguéndose de noite, desbaratou os edomitas que o tiñan cercado a el e aos xefes dos carros. Pero o exército fuxiu para as súas tendas. [22]Así foi como Edom quedou ceibe de Xudá ata o día de hoxe. Naquela ocasión rebelouse tamén Libnah.

[23]O resto da historia de Ioram, todo o que fixo, non está escrito no Libro das Crónicas dos reis de Xudá? [24]Ioram adormeceu con seus pais e enterrárono con eles na cidade de David. Sucedeuno no trono o seu fillo Ocozías.

### Ocozías de Xudá

[25]No ano doce do reinado de Ioram, fillo de Acab, en Israel, empezou a reinar en Xudá Ocozías, fillo de Ioram. [26]Ocozías tiña entón vinte e dous anos, e reinou un ano en Xerusalén. A súa nai chamábase Atalía, filla de Omrí, rei de Israel. [27]Ocozías seguiu o camiño da familia de Acab, facendo o mal aos ollos do Señor, como a familia de Acab coa que emparentara. [28]Ocozías foi con Ioram, fillo de Acab, loitar contra Hazael, rei de Aram, en Ramot de Galaad. Daquela os arameos feriron a Ioram. [29]Para curarse das feridas dos arameos en Ramot, no combate contra Hazael, rei de Aram, o rei Ioram volveuse a Iezrael. Estando alí doente, foi visitalo Ocozías, fillo de Ioram, rei de Xudá.

### Iehú, rei de Israel

**9** [1]O profeta Eliseo chamou por un dos fillos dos profetas e encargoulle: –Cingue o cinto, colle este frasco de aceite e vai a Ramot de Galaad. [2]Cando chegues alá, pescuda onde está Iehú, fillo de Ioxafat, fillo de Nimxí. Entras onda el, afástalo dos seus compañeiros e lévalo a un sitio reservado. [3]Colles o frasco do aceite e vértesllo na cabeza, dicindo: Isto di o Señor: "Únxote por rei de Israel". Logo abres a porta, e vaste, sen máis demora.

[4]O profeta mozo foi a Ramot de Galaad. [5]Chegou e entrou xunta aos xefes do exército, e dixo: –Teño unha palabra para ti, xefe.

Iehú preguntou: –Para quen de nós?

El respondeulle: –Para ti, xeneral.

[6]Iehú levantouse e entrou na casa, e o profeta verteulle o aceite na cabeza, dicindo: –Isto di o Señor, Deus de Israel: "Únxote por rei do pobo do Señor, de Israel". [7]Desbaratarás a casa de Acab, o teu señor, e eu vingarei en Iezabel o sangue dos meus servidores, os profetas, e o sangue de todos os servos do Señor. [8]Perecerá toda a familia de Acab. Exterminareille a Acab en Israel todo home, escravo ou libre. [9]Farei coa familia de Acab o que fixen coa de Ieroboam, fillo de Nabat, e coa de Baxá, fillo de Ahías. [10]E a Iezabel comerana os cans no agro de Iezrael, sen que ninguén lle dea terra.

Dito iso, o profeta abriu a porta e marchou. [11]Iehú saíu para xuntarse cos oficiais do seu soberano, que lle preguntaron: –Vai todo ben? Que che quería ese tolo?

El respondeulles: –Xa coñecedes o home e a súa leria.

[12]Pero eles insistiron: –Mentira! Conta, conta!

Iehú entón confesoulles: –Exactamente díxome así: "Isto di o Señor: Únxote por rei de Israel".

[13]Deseguida colleron eles cadanseu manto, botáronos aos seus pés, sobre as gradas, tocaron a trompeta e aclamaron: –Iehú é rei!

[14]Daquela Iehú, fillo de Ioxafat, fillo de Nimxí, urdiu contra Ioram a súa conxura. Ioram estaba con todo Israel defendendo Ramot de Galaad contra Hazael, rei de Aram. [15]O rei Ioram volvérase a Iezrael, para curarse das feridas que lle fixeran os arameos, na guerra con Hazael, rei de Aram. Iehú propuxo: –Se vos parece ben, que ninguén saia da cidade para levar a nova a Iezrael.

**8**, 20-22 *Edom* pagaba tributo desde os días de David e tomaba parte nas loitas de Xudá (2 Re **3**, 9). Agora a rota do sur e o paso para o mar Vermello quedan nos seus dominios. *Libnah* era unha cidade fronteiriza entre Xudá e os filisteos.

**8**, 29 Ocozías morreu, coma Ioram, á man dos arameos, na loita por Ramot de Galaad (2 Re *9*, 27s).

**9-10** Historia da unción de Iehú e da súa revolta. Esta leva consigo a morte dos reis de Israel e de Xudá, a de Iezabel, viúva de Acab, a da familia do rei e a dos seus partidarios e mesmo a dos parentes do rei de Xudá. Rematan todas esas matanzas coa dos adoradores de Baal. Neste baño de sangue acábase a dinastía de Acab, causa de rexa tensión nos ciclos de Elías e Eliseo, co cumprimento de todas as sentencias pronunciadas. O relato, desde o punto de vista literario, está moi logrado.

**9**, 1-13 A unción de Iehú é obra indirecta de Eliseo, feita por un dos fillos dos profetas. En 1 Re **19**, 16 fóralle encomendada a Elías; cumpriuna o seu sucesor, que lexitimou de xeito carismático o novo rei (1 Sam **10**, 1; **16**, 13; 1 Re **11**, 29-39).

**9**, 7-10 A sentenza deuteronomista sáese do estilo do relato.

**9**, 11 Lixeireza no xeito de falar dun profeta (Xer **29**, 26; Os **9**, 7), que de ningunha maneira contradí o seu recoñecemento.

**9**, 14-29 Conxura de Iehú, coa morte dos dous reis. Relato vivo e ben acabado.

16E axiña, el montou no seu carro e foise a
Iezrael, onde estaba Ioram doente e onde fora
visitalo Ocozías, rei de Xudá. 17En Iezrael, o
vixía que facía a garda na torre viu vir a tropa
de Iehú, e berrou: –Vexo vir unha tropa.

Ioram ordenou: –Colle e manda un xinete
ao seu encontro, e que pregunte se hai boas
novas.

18Saíu o xinete ao seu encontro e dixo:
–Isto di o rei: "Hai boas novas?".

Iehú respondeulle: –Que che importan a ti
as boas novas? Ponte detrás de min.

O vixía comunicou: –O recadeiro chegou
onda eles e non volve.

19Entón mandou outro xinete, que chegou
xunto deles e dixo: –Isto di o rei: "Hai boas
novas?".

Respondeulle Iehú: –Que che importan a
ti as boas novas? Ponte aí detrás.

20A sentinela comunicou: –Chegou onda
eles e non volve. O que guía o carro faino
coma Iehú, fillo de Nimxí, pois guía coma
un tolo.

21Ioram ordenou entón: –Enganchade!

Engancháronlle o carro e saíron Ioram,
rei de Israel, e Ocozías, rei de Xudá, cada un
no seu carro. Correron ao encontro de Iehú
e atopáronse no herdo de Nabot de Iezrael.
22Cando Ioram viu a Iehú, preguntoulle: –Boas
novas, Iehú?

Iehú respondeulle: –Como queres que
haxa boas novas, mentres duran as prostitucións de túa nai Iezabel e as súas feitizarías?

23Ioram niso pegou a volta e fuxiu, ao
tempo que lle berraba a Ocozías: –Traizón,
Ocozías!

24Pero Iehú tensou o arco e acertoulle coa
frecha a Ioram, no medio das costelas, de xeito que lle atravesou o corazón, e caeu morto
no seu carro. 25Iehú díxolle entón ao seu axudante Bidcar: –Cólleo e bótao no herdo de
Nabot de Iezrael. Pois lembraraste de que,
cando iamos xuntos ti e mais eu, montados
detrás de seu pai Acab, o Señor pronunciou
contra el esta sentenza: 26"Non vin eu aquí
onte o sangue de Nabot e o dos seus fillos?
Palabra do Señor. Pois neste mesmo agro dareiche eu o teu merecido, palabra do Señor".
Cólleo, pois, e guíndao nese herdo, conforme
a palabra do Señor.

27Á vista disto, Ocozías, rei de Xudá, liscou polo camiño de Bet-Hagán. Pero Iehú
foino perseguindo e berrando: –A el tamén!

E ferírono no seu carro, na costa de Gur,
cerca de Ibleam. El seguiu fuxindo cara a
Meguido, onde morreu. 28Os seus servidores levárono no seu carro a Xerusalén e enterrárono na cidade de David, no túmulo de
seus pais. 29Ocozías empezara a reinar en
Xudá no ano once do reinado de Ioram, fillo
de Acab. 30Iehú entrou en Iezrael. Iezabel, ao
sabelo, enfeitou os ollos, peiteou os cabelos e
debruzouse no corredor. 31Cando Iehú entraba pola porta, ela díxolle: –Traes boas novas,
Zimrí, asasino do teu señor?

32El ergueu entón os ollos cara ao corredor,
e preguntou: –Quen está aí da miña parte,
quen?

Apareceron dous ou tres eunucos, 33e el
díxolles: –Botádea embaixo.

E eles guindárona. O seu sangue esparexeuse pola parede e polos cabalos, que a
esmagaron. 34Iehú entrou, comeu e bebeu, e
logo dixo: –Facédevos cargo desa maldita e
enterrádea; á fin, é filla de rei.

35Cando foron para enterrala, non atoparon dela máis ca a caveira, os pés e as mans.
36Volveron para dicirllo, e Iehú comentou:
–É o que o Señor tiña anunciado polo seu
servo Elías o texbita, cando dixo: "No agro
de Iezrael comerán os cans a carne de Iezabel. 37O seu cadáver será coma esterco no
agro, no herdo de Iezrael, de xeito que ninguén poderá dicir: esa é Iezabel".

### Reinado sanguento de Iehú

**10** 1En Samaria vivían setenta fillos de
Acab. Iehú escribiu cartas e mandounas a Samaria, aos maxistrados da cidade,
aos anciáns e aos mestres dos fillos de Acab.
Nelas dicíalles: 2"Cando vos chegue esta carta, xa que tedes convosco os fillos do voso
señor, e tedes tamén os seus carros, os seus
cabalos, unha cidade fortificada e armas, 3mirade cal dos fillos do voso señor é o mellor e
o máis xusto, sentádeo no trono do seu pai
e dispoñédevos a loitar pola familia do voso
señor". 4Eles, mortos de medo, dixeron: –Se
entre os dous reis non lle puideron facer fronte, como lla faremos nós?

**9**, 15 Iehú prefire os feitos consumados, primeiro de facer saber as súas intencións.
**9**, 26 Cumprimento do anunciado en 1 Re **21**, 19. 29.
**9**, 31 Co nome de Zimrí recorda outro militar conspirador, que matou ao rei Elah, para reinar logo soamente sete días (1 Re **16**, 9s). É isto o que Iezabel quere agora subliñar?
**9**, 36s Coa morte de Iezabel cúmprese outra palabra dita por boca dun profeta (1 Re **21**, 23).
**10**, 1-10 A morte dos fillos do rei é un relato que arrepía, pola crueza e a friaxe, polo sarcasmo cos nobres comprometidos na matanza e porque se fai en cumprimento dunha palabra de Deus. Diante diso queda pequeno o crime da revolta e da morte do rei.

[5]Daquela o mordomo do pazo, o gobernador da cidade, os anciáns e os mestres mandáronlle dicir a Iehú: –Nós somos todos servos teus e faremos o que nos mandes. Non elixiremos ningún rei. Fai ti como che pareza.

[6]Iehú escribiulles outra carta, na que dicía: "Se vós estades comigo e me obedecedes, vinde onda min a Iezrael, mañá destas horas, e traédeme as cabezas dos fillos do noso señor". Os setenta fillos do rei estaban cos grandes da cidade, que os criaban. [7]En recibindo eles a carta, colleron os fillos do rei, mataron os setenta, puxeron en cestos as cabezas e mandáronllas a Iehú, a Iezrael. [8]Entrou onda el o recadeiro e anuncioulle: –Trouxeron as cabezas dos fillos do rei.

E el ordenou: –Poñédeas en dous montóns, ás portas da cidade, ata mañá pola mañá.

[9]Pola mañá saíu Iehú, e en pé diante de toda a xente, dixo: –Vós sodes inocentes. Eu conspirei contra o meu señor e mateino. Pero a todos estes, quen os matou? [10]Mirade como non cae polo chan ningunha das palabras que dixera o Señor contra a familia de Acab. O Señor cumpre o que dixo polo seu servo Elías.

[11]Iehú acabou tamén cos que quedaban da casa de Acab en Iezrael, os grandes, os parentes, os sacerdotes, sen deixar restos de ninguén. [12]Despois colleu e foi a Samaria. Cando, polo camiño, chegaba a Bet-Équed-Haroim, [13]atopou cos irmáns de Ocozías, rei de Xudá, e preguntoulles: –Vós, quen sodes?

Respondéronlle eles: –Somos irmáns de Ocozías e imos visitar os fillos do rei e os fillos da raíña.

[14]Iehú ordenou: –Collédeos vivos.

Colléronos vivos, e logo esganáronos onda a poza de Bet-Équed. Eran corenta e dous homes e non quedou sequera un. [15]Iehú seguiu máis adiante e encontrouse con Ionadab, fillo de Recab, que viña ao seu encontro. Iehú saudouno e preguntoulle: –Es ti sincero comigo, coma o son eu contigo?

Ionadab respondeulle: –Son.

–Entón dáme a man.

El deulle a man, e Iehú gurrou del para o seu carro. [16]E díxolle: –Ven comigo e verás o meu celo polo Señor.

E levouno con el no seu carro. [17]Iehú entrou en Samaria e matou os que quedaban alí da casa de Acab, ata acabar con toda a familia, como dixera o Señor por medio de Elías. [18]Despois reuniu Iehú o pobo todo e faloulles: –Acab serviu un pouco a Baal; Iehú servirao moito máis. [19]Convocade onda min todos os profetas de Baal, os seus adoradores e os seus sacerdotes. Que non falte ningún, porque lle quero ofrecer a Baal un gran sacrificio. Aquel que falte non vivirá.

Iehú procedía arteiramente, para ver de acabar dunha vez con todos os adoradores de Baal. [20]Logo ordenou: –Convocade asemblea santa en honor de Baal.

E convocárona. [21]Iehú mandou recado por todo Israel, e viñeron todos os devotos de Baal, sen fallar nin sequera un. Reuníronse todos no santuario de Baal, que se encheu de parede a parede. [22]Iehú ordenoulle ao garda do vestiario: –Tira vestiduras para os devotos de Baal.

E el tirou vestiduras para todos. [23]Niso entrou Iehú con Ionadab, fillo de Recab, no templo de Baal e díxolles aos seus adoradores: –Asegurádevos de que non hai entre vós ningún servidor do Señor, senón só os devotos de Baal.

[24]Entón comezaron a ofrecer sacrificios e holocaustos. Iehú apostara fóra oitenta homes, con esta encomenda: –O que deixe zafarse un destes homes que poño nas vosas mans, pagará por el coa súa vida.

[25]Cando acabaron de ofrecer o holocausto, Iehú mandoulles aos gardas e aos oficiais: –Entrade e matádeos. Que non fuxa ningún.

Os gardas e os oficiais matáronos a fío de espada, e despois botáronos fóra. Entraron logo no camarín de Baal, [26]retiraron del a estela e queimárona, [27]destruíron o altar de Baal, derrubaron o templo e convertérono en esterqueira, ata hoxe. [28]Deste xeito foi como acabou Iehú con Baal en Israel. [29]Pero Iehú non se afastou dos pecados que Ieroboam, fillo de Nabat, lle fixera cometer a Israel, cos becerros de ouro de Betel e de Dan. [30]O Señor comunicoulle: –Xa que tiveches un bo comportamento, facendo o que é xusto aos meus ollos, e trataches a familia de Acab como eu decidira, os teus fillos sentarán no trono de Israel, ata a cuarta xeración.

[31]Pero Iehú non procurou seguir a lei do Señor, Deus de Israel, con todo o seu corazón. Non se afastou dos pecados que Ieroboam lle fixera cometer a Israel. [32]Entón

**10**, 15 *Ionadab, fillo de Recab*, encabeza o movemento dos recabitas, que coa súa forma de vida nómade condenan as desviacións de Israel asentado en Canaán (Xer **35**, 1-11). Comparte a revolta de Iehú e móstrase de acordo co exclusivismo do culto iavista.

**10**, 25 Semellante ao feito de Elías cos profetas de Baal (1 Re **18**, 40).

**10**, 28ss O xuízo do historiador sobre Iehú é positivo, porque acabou coa dinastía de Acab. Algunhas reservas, porque non suprimiu os santuarios que condena a lei, cousa que fará Ioxías.

empezou o Señor a minguar o territorio de
Israel. Hazael bateuno en todas as fronteiras,
33desde o Xordán cara ao nacente, cos terri-
torios de Galaad, de Gad, de Rubén e de Me-
naxés, e desde Aroer, que está onda o Arnón,
ademais de Galaad e de Baxán.

34O resto da historia de Iehú, os seus feitos
e as súas fazañas, non está todo escrito no
Libro das Crónicas dos reis de Israel? 35Iehú
adormeceu con seus pais e enterrárono en Sa-
maria. Sucedeuno no trono o seu fillo Ioacaz.
36Iehú reinara vinte e oito anos sobre Israel,
en Samaria.

### Atalía de Xudá

**11** 1Cando Atalía, nai de Ocozías, viu que
morrera seu fillo, decidiu exterminar
toda a familia real. 2Pero Ioxeba, filla do rei
Ioram e irmá de Ocozías, colleu a Ioax, fillo
de Ocozías, levouno ás agochadas de entre
os fillos do rei que ían ser asasinados, e me-
teuno nun apousento coa súa ama. Ocultábao
para que non o matase Atalía. 3Estivo coa
súa ama acochado seis anos, no templo do
Señor, mentres Atalía reinaba no país. 4O sé-
timo ano, mandou buscar Iehoiadá os xefes
de centuria dos carios e da garda real e re-
uniunos no templo. Fixo con eles un pacto,
pedíndolles xuramento no templo do Señor,
e presentoulles o fillo do rei. 5Despois comu-
nicoulles as súas disposicións: –Isto é o que
habedes facer: o terzo de vós que fai no sába-
do a garda do pazo real, 6o terzo que está de
posto na porta das cortes e mais o terzo que
está na porta de detrás da garda real, faredes
a garda do templo en rolda. 7E os outros dous
corpos de vós, todos os que saídes da garda
do sábado, faredes a garda do rei no templo
do Señor. 8Rodearedes o rei por todos os la-
dos, todos coas armas na man. Se alguén ten-
ta romper as ringleiras, matarédelo. Estade
ao lado do rei, onde queira que vaia.

9Os xefes de centuria fixeron canto o sa-
cerdote Iehoiadá lles ordenara. Cada un xun-
tou os seus homes, os que estaban de servizo
no sábado e os que quedaban libres nel, e
presentáronse ao sacerdote Iehoiadá. 10El en-
tregoulles aos xefes das centurias as lanzas e
os escudos do rei David, que se gardaban no
templo do Señor. 11Os da garda apostáronse,
cada un coa súa arma na man, desde o ángulo
dereito do templo ata o esquerdo, ao longo
do altar e do santuario, arredor do rei. 12En-
tón Iehoiadá amosou ao fillo do rei, púxolle a
coroa e o testemuño e unxiuno por rei. Niso
todos bateron palmas e berraron: –Viva o rei!

13Cando Atalía oíu o algareo da garda e do
pobo, meteuse por entre a xente no templo
do Señor. 14Ao ver o rei de pé sobre o estra-
do, segundo o costume, arroupado cos xefes
e coa banda de música, e o pobo todo en festa
e tocando as bucinas, Atalía rachou os seus
vestidos e exclamou: –Traizón, traizón!

15O sacerdote Iehoiadá ordenou aos xefes
de centuria que mandaban na tropa: –Tirádea
fóra do adro, e aos que a sigan matádeos a
espada.

O sacerdote non quería que a matasen den-
tro do templo. 16Levárona fóra a empurróns,
pola porta das cortes, e alí matárona. 17Ie-
hoiadá concluíu o pacto entre o Señor, o rei e
mais o pobo, polo que este se obrigaba a fa-
cerse o pobo do Señor. 18Despois a xente foi
correndo ao templo de Baal e derrubárono,
romperon os altares e as imaxes, e diante do
altar mataron a Matán, o sacerdote de Baal.
O sacerdote Iehoiadá puxo garda no templo
do Señor, 19e logo, cos xefes de centuria, cos
carios, coa garda e co pobo todo, baixaron o
rei do templo do Señor e levárono ao palacio
real. Entón Ioax sentou no trono da realeza.
20O pobo fixo festa e a cidade quedou en cal-
ma. A Atalía matárana ao pé do palacio real.

### Ioax de Xudá

**12** 1Ioax tiña sete anos cando empezou
a reinar, 2no ano sétimo do reinado
de Iehú, e reinou corenta anos en Xerusalén.

**11** Atalía mantén por algún tempo en Xudá a dinastía de Acab, despois do seu exterminio en Israel (2 Cro **22**, 10-**23**, 21). Ao morrer o seu fillo Ocozías, colleu as rendas do goberno e matou a todos os pretendentes da familia real. Salvouse un, que a suplantaría: Ioax. A salvación dese herdeiro e a revolta contra Atalía leváronse a cabo no templo, e foi obra do sacerdocio.

**11**, 5-7 O sacerdote pon ás súas ordes a garda do rei e a do templo, e deixa o pazo real sen protección.

**11**, 12 *O testemuño* ("edut") era, ao parecer, o protocolo que contiña os títulos do rei, fundados na profecía de Natán (2 Sam **7**; Sal **2**, 7-9).

**11**, 13s Agora aparece o pobo, protagonista tamén desa revolución.

**11**, 17 Co pacto entre o rei e o pobo, renóvase a Alianza co Señor.

**11**, 18 A revolta é parella á de Iehú en Israel; entre as dúas acaban coa dinastía de Acab (2 Re **10**, 18ss). Este é un compoñente da alianza do v. precedente.

**12** O reinado de *Ioax* (2 Cro **24**) detivo a atención do historiador polas obras que o rei fixo no templo. Pero tamén por dous datos históricos e políticos: o pago que fixo a Hazael para que non atacase Xerusalén e mais a conxura tramada contra el. Coas obras do templo corresponde ao que os sacerdotes fixeron primeiro por el, asegurándolle vida e reino.

Súa nai chamábase Sibia, e era de Beerxeba.
3Ioax fixo sempre o que é debido aos ollos do
Señor, seguindo as instrucións do sacerdote
Iehoiadá. 4Mais os altares dos outeiros non
desapareceron, e a xente seguía ofrecendo
neles sacrificios e incenso.

**Reparación do templo**

5Ioax faloulles aos sacerdotes: –O diñeiro ofrendado ao templo do Señor, o diñeiro que traia cada persoa, o diñeiro pagado polo censo e o que cadaquén queira traer voluntariamente ao templo do Señor, 6que o recollan os sacerdotes, cada un polos seus axudantes, e eles encargaranse de reparar o templo do Señor, onde queira que atopen danos.

7No ano vinte e tres do reinado de Ioax, os sacerdotes non repararan aínda os danos do templo do Señor. 8O rei chamou entón ao sacerdote Iehoiadá e aos outros sacerdotes, e díxolles: –Por que tedes os danos do templo aínda sen reparar? De agora en adiante, non colleredes o diñeiro da man dos vosos axudantes, senón que o entregaredes, para reparar os danos do templo do Señor.

9Os sacerdotes consentiron en non coller o diñeiro da xente e en non repararen eles os danos do templo. 10O sacerdote Iehoiadá colleu unha hucha, fíxolle na tapa un burato e colocouna ao pé do altar, pola dereita de quen entra no templo do Señor. 11Cando vían que na hucha había xa moito diñeiro, ía o secretario do rei co sumo sacerdote, recollían o diñeiro que había alí e contábano. 12Despois de contalo, dábanllelo aos capataces das obras do templo do Señor, e estes pagaban con el os carpinteiros e os obreiros todos que traballaban no templo do Señor, 13os albaneis e os canteiros. Con el mercaban madeira e pedra de cantería para reparar os danos do templo. Con el pagaban todos os gastos da súa conservación. 14Co diñeiro traído ao templo do Señor non se facían xerras de prata, nin coitelos, nin aspersorios, nin bucinas, nin obxecto ningún de ouro ou de prata, 15senón que se entregaban aos capataces das obras, e con el restauraban o templo do Señor. 16Non se pedían contas aos homes aos que se encomendaba o diñeiro para pagar os capataces, pois eran xente de fiar. 17O diñeiro dos sacrificios penitenciais e o dos sacrificios polo pecado non se entregaba para o templo: era para os sacerdotes.

**Fin do reinado de Ioax**

18Por aquel tempo Hazael, rei de Aram, atacou Gat e conquistouna. Despois deu a volta, para atacar Xerusalén. 19Ioax, rei de Xudá, botou man de todas as cousas sagradas ofrecidas polos seus devanceiros Ioxafat, Ioram e Ocozías, reis de Xerusalén, e das que el mesmo fixera, de todo o ouro que había nos tesouros do templo do Señor e do palacio real, e mandoulle todo a Hazael, rei de Aram. Este entón desistiu de subir contra Xerusalén.

20O resto da historia de Ioax, todo o que fixo, non está escrito no Libro das Crónicas dos reis de Xudá? 21Os seus cortesáns rebeláronse e conxuraron contra Ioax, e matárono en Betmiló, baixando cara a Sela. 22Matárono os seus servidores Iozacar, fillo de Ximat, e Iehozabad, fillo de Xomer. Enterrárono con seus pais, na cidade de David. Sucedeuno no trono o seu fillo Amasías.

**Ioacaz de Israel**

**13** 1No ano vinte e tres do reinado de Ioax, fillo de Ocozías, en Xudá, empezou a reinar sobre Israel, en Samaria, Ioacaz, fillo de Iehú. Reinou dezasete anos.

2Fixo o mal aos ollos do Señor. Repetiu os pecados que Ieroboam, fillo de Nabat, fixera cometer a Israel; non se arredou deles. 3O Señor anoxouse con Israel e entregouno nas mans de Hazael, rei de Aram, e de Benhadad, fillo de Hazael, por todo ese tempo. 4Ioacaz implorou entón ao Señor e o Señor escoitouno, en vista do asoballamento en que tiña a Israel o rei de Aram. 5O Señor deulle a Israel un liberador, que o librou do xugo de Aram. Os israelitas viviron outra vez en paz coma antes nas súas tendas. 6Pero non se afastaron dos pecados que a familia de Ieroboam fixera cometer a Israel, senón que seguiron neles. Tamén seguiu en pé a imaxe de Axtarté en

**12**, 5s O rei era o primeiro responsable do templo e do culto.
**12**, 7-9 Os sacerdotes gardaban o diñeiro do pobo e non reparaban o templo. A enérxica medida de goberno supón un carácter rexo. O rei acabou morto nunha conxura.
**12**, 18s Dos movementos expansivos de Aram xa oiramos (2 Re **10**, 32s). Seguirán ata que os asirios interveñan.
**12**, 22 A morte violenta dos reis de Xudá non é para usurpar o seu trono, ben agarrado pola dinastía de David. Neste caso pode deberse á súa enerxía de goberno.

**13**, 5 Non se di quen é o liberador. O silencio parece querer excluír a Ioacaz. Foi o seu fillo Ioax, polo que se di del no v. 25? Foi Ieroboam, o que volveu as fronteiras de Israel aos seus debidos límites? (2 Re **14**, 25-27). Ou pensa o escritor no Señor, que moveu aos reis de Asiria a apertar os arameos, para que estes deixasen de atacar a Israel? Ou no mesmo Señor, que polo seu profeta Eliseo anunciou a vitoria de Afec (vv. 14ss)?

Samaria. [7]Por iso non lle quedou a Ioacaz outro exército ca cincuenta xinetes, dez carros e dez mil soldados de a pé. O rei de Aram esnaquizoulle os outros: deixounos coma po das eiras.

[8]O resto da historia de Ioacaz, os seus feitos e as súas fazañas, non están escritos no Libro das Crónicas dos reis de Israel? [9]Ioacaz adormeceu con seus pais e enterrárono en Samaria. Sucedeuno no trono o seu fillo Ioax.

### Ioax de Israel

[10]No ano trinta e sete do reinado de Ioax en Xudá, reinou sobre Israel, en Samaria, Ioax, fillo de Ioacaz. Reinou dezaseis anos. [11]Fixo o mal aos ollos do Señor. Non se arredou dos pecados que Ieroboam, fillo de Nabat, fixera cometer a Israel. Caeu en todos eles.

[12]O resto da historia de Ioax, os seus feitos e as súas fazañas, e a loita con Amasías, rei de Xudá, non está todo escrito no Libro das Crónicas dos reis de Israel? [13]Ioax adormeceu con seus pais e sucedeuno no trono Ieroboam. Enterrárono en Samaria, cos reis de Israel.

### Morte de Eliseo

[14]Eliseo enfermou da doenza da que ía morrer. Ioax, rei de Israel, foi visitalo e choraba por el, dicindo: –Meu pai, meu pai, carro de Israel e condutor seu!

[15]Eliseo díxolle: –Colle o teu arco e as túas frechas.

E el colleunas. [16]Eliseo díxolle: –Empuña o arco coa man.

E el empuñouno. Eliseo puxo as súas mans por riba das mans do rei, [17]e díxolle: –Abre a fiestra que dá cara ao oriente.

El abriuna. Eliseo díxolle: –Tira!

E el tirou. Eliseo dixo: –Frecha de vitoria do Señor, frecha de vitoria contra Aram! Desbaratarás os arameos en Afec, ata exterminalos. [18]Despois díxolle: –Colle as frechas.

E el colleunas. Díxolle: –Fire con elas o chan.

E o rei de Israel fíxoo tres veces, e parou. [19]O home de Deus incomodouse con el e díxolle: –Se o ferises cinco ou seis veces, derrotarías a Aram, ata acabar con el. Agora venceralo só tres veces.

[20]Eliseo morreu e enterrárono. Naquel ano, bandas de moabitas facían batidas no país. [21]E aconteceu que unhas xentes, que enterraban un morto, viron chegar unha desas bandas. Deitaron o morto no sartego de Eliseo e fuxiron. Cando o morto tocou cos ósos de Eliseo, reviviu e púxose en pé.

### Desfeita dos arameos

[22]Hazael, rei de Aram, asoballara a Israel toda a vida de Ioacaz. [23]Pero o Señor compadeceuse e tivo misericordia, e volveuse en favor deles, por mor do pacto que fixera con Abraham, Isaac e Xacob, e ata hoxe non consentiu en entregalos nin en botalos da súa presenza. [24]Hazael, rei de Aram, morreu, e sucedeuno no trono o seu fillo Benhadad. [25]Entón Ioax, fillo de Ioacaz, quitoulle das mans a Benhadad, fillo de Hazael, as cidades que el lle arrebatara a seu pai Ioacaz. Ioax venceuno por tres veces e quitoulle as cidades de Israel.

### Amasías de Xudá

**14** [1]No ano segundo do reinado de Ioax, fillo de Ioacaz, en Israel, empezou a reinar sobre Xudá Amasías, fillo de Ioax. [2]Tiña vinte e cinco anos cando empezou a reinar e reinou vinte e nove anos en Xerusalén.

[3]Fixo o que é xusto aos ollos do Señor, pero non coma seu pai David. Portouse en todo coma seu pai Ioax. [4]Mais os altares dos outeiros non desapareceron e o pobo seguiu ofrecendo neles sacrificios e incenso. [5]Cando o reino estaba ben firme nas súas mans, matou os ministros que mataran ao rei, seu pai. [6]Pero os fillos deses ministros non os matou, conforme co que está escrito no Libro da Lei de Moisés, onde manda o Señor: "Non morrerán os pais por culpa dos fillos, nin os fillos por culpa dos pais; cada un morrerá polo propio pecado".

[7]Amasías derrotou a dez mil homes de Edom no val do Sal, e daquela conquistou

**13**, 14 O rei saúda a Eliseo coas mesmas palabras coas que este se despedira de Elías (2 Re **2**, 12). Os dous foron pais e guías de Israel. Mesmo nas súas guerras con Aram e con Moab, valeron máis ca un exército.
**13**, 16ss A palabra do profeta tiña que ser complementada pola acción simbólica do rei. Este adiantaba a frecha da vitoria sobre os arameos (Xos **8**, 18s; Xer **18**, 1).
**13**, 17 Ao pór as súas mans por riba das do rei, o profeta comunícalle a súa forza.
**13**, 21 Como fixera en vida, tamén despois de morto o profeta fai revivir os que morreran (Eclo **48**, 14).
**13**, 22-24 Anótase, coma sempre, no cumprimento da palabra dita polo profeta.
**14**, 5 O feito cóntase en 2 Re 12, 22.
**14**, 6 A lei á que se refire está en Dt **24**, 16, que mellora a máis primitiva, de responsabilidade colectivista (Xos **7**, 24).
**14**, 7 Edom independizárase nos días de Ioram (2 Re **8**, 20-22); agora Xudá abre outra vez o camiño do mar Vermello.

Petra. Chamoulle Ioctael, nome que leva
ata hoxe. [8]Entón mandou Amasías unha em-
baixada a Ioax, fillo de Ioacaz, fillo de Iehú,
rei de Israel, con esta mensaxe: –Ven, que
nos vexamos as caras!
[9]Ioax, rei de Israel, respondeulle a Ama-
sías, rei de Xudá: –O espiñeiro do Líbano
mandou dicir ao cedro do Líbano: "Dáme a
túa filla por muller para o meu fillo"; mais
pasaron as feras do Líbano e esmagaron o
espiñeiro. [10]Porque venciches a Edom, estás
moi enfonchado. Conténtate con esa gloria
e queda na túa casa. Por que queres desen-
cadear unha desgraza e caer nela, ti e Xudá
contigo?
[11]Pero Amasías non fixo caso. Entón Ioax,
rei de Israel, subiu e víronse as caras, el e
Amasías, rei de Xudá, en Betxémex de Xudá.
[12]Xudá foi vencida por Israel, e cada un fuxiu
para a súa tenda. [13]Ioax, rei de Israel, colleu
preso en Betxémex a Amasías, fillo de Ioax,
fillo de Ocozías, rei de Xudá, e levouno a Xe-
rusalén. Alí abriu un buraco de catrocentos
cóbados na muralla, entre a porta de Efraím
e a porta do Ángulo. [14]Apreixou todo o ouro
e a prata e todos os obxectos que había no
templo do Señor e no palacio real, tomou uns
poucos reféns e volveu para Samaria.
[15]O resto da historia de Ioax, os seus feitos
e as súas fazañas, e a guerra que fixo contra
Amasías, rei de Xudá, non está todo escri-
to no Libro das Crónicas dos reis de Israel?
[16]Ioax adormeceu con seus pais e enterrárono
en Samaria, cos reis de Israel. Sucedeuno no
trono o seu fillo Ieroboam. [17]Amasías, fillo
de Ioax, rei de Xudá, sobreviviu quince anos
a Ioax, fillo de Ioacaz, rei de Israel. [18]O resto
da historia de Amasías, non está escrito no
Libro das Crónicas dos reis de Xudá?
[19]Contra el maquinaron en Xerusalén unha
conxura e el fuxiu cara a Láquix. Pero fórono
perseguindo ata alí e alí matárono. [20]Cargáro-
no en cabalos e enterrárono en Xerusalén, na
cidade de David, onda seus pais. [21]Xudá en-
teiro fixouse en Azarías, cando tiña dezaseis
anos, e aclamárono rei, no posto de seu pai
Amasías. [22]El reconstruíu Eilat e volveullo a
Xudá, despois de que o rei adormeceu con
seus pais.

### Ieroboam de Israel

[23]No ano quince do reinado de Amasías,
fillo de Ioax, en Xudá, empezou a reinar so-
bre Israel Ieroboam, fillo de Ioax. Reinou en
Samaria corenta e un anos. [24]Fixo o mal aos
ollos do Señor. Non se arredou dos pecados
que Ieroboam, fillo de Nabat, fixera cometer
a Israel.
[25]Restableceu as fronteiras de Israel, desde
a entrada de Hamat ata o mar de Arabah, con-
forme a palabra que o Señor, Deus de Israel,
dixera polo seu servo o profeta Xonás, fillo
de Amitai, de Gat-Héfer. [26]Iso foi porque o
Señor se fixara na pobreza e na aflición de Is-
rael, ao non lle quedar escravo nin libre, nin
ninguén que o axudase. [27]O Señor non deci-
dira aínda borrar o nome de Israel de debaixo
do sol; e salvouno por medio de Ieroboam,
fillo de Ioax.
[28]O resto da historia de Ieroboam, os seus
feitos e as súas proezas guerreiras, e mais
o que fixo por recuperar Damasco e Hamat
para Israel, non está todo escrito no Libro
das Crónicas dos reis de Israel? [29]Ieroboam
adormeceu con seus pais, os reis de Israel, e
sucedeuno no trono o seu fillo Zacarías.

### Azarías de Xudá

**15** [1]No ano vinte e sete do reinado de
Ieroboam en Israel, empezou a reinar
en Xudá Azarías, fillo de Amasías. [2]Tiña de-
zaseis anos cando chegou ao trono, e reinou
cincuenta e dous anos en Xerusalén. Súa nai
chamábase Iecolía, de Xerusalén.
[3]Fixo o que é debido aos ollos do Señor,
coma Amasías, seu pai. [4]Soamente que os
altares dos outeiros non desapareceron, e a
xente seguía ofrecendo neles sacrificios e
incenso. [5]O Señor feriuno coa lepra, e o rei
estivo con ela ata a súa morte, vivindo illado
na súa casa. O seu fillo Iotam estaba á fronte
do palacio e gobernaba o país.

**14**, 8 Amasías provoca ao rei de Israel, querendo, polo menos, afirmar a enteira independencia de Xudá.
**14**, 9s A fábula de Ioax para Amasías recorda o apólogo de Iotam (Xuí **9**, 8-15). O espiñeiro crese un cedro, pero veñen as feras e acaban co seu soño.
**14**, 11-14 Foi unha verdadeira desgraza, como dixera o rei de Israel.
**14**, 21 *Azarías* é coñecido tamén polo nome de Ozías (2 Re **15**, 13 e 2 Cro **26**, 3ss), que era quizais o nome da coroación.
**14**, 23-29 *Ieroboam II* foi un dos reis máis grandes de Israel. Devolveulle a súa integridade territorial. Houbo paz e prosperidade, porque os asirios fixeron estar quedos aos arameos polo norte. Nese tempo falaron en Israel os profetas Amós e Oseas.
**14**, 25 *O profeta Xonás*, fillo de Amitai, prestou o seu nome para a historia didáctica do libro de Xonás.
**15**, 5 O Cronista é máis abundante no tratamento de Azarías (Ozías) (2 Cro **26**).

[6]O resto da historia de Azarías e todo o
que fixo, non está escrito no Libro das Crónicas dos reis de Xudá? [7]Azarías adormeceu
con seus pais e enterrárono onda eles, na
cidade de David. Sucedeuno no trono o seu
fillo Iotam.

### Zacarías de Israel

[8]No ano trinta e oito do reinado de Azarías
en Xudá, empezou a reinar sobre Israel, en
Samaria, Zacarías, fillo de Ieroboam.
[9]Fixo o mal aos ollos do Señor, como o fixeran seus pais. Non se arredou dos pecados
que Ieroboam, fillo de Nabat, fixera cometer
a Israel. [10]Xalum, fillo de Iabex, cismou contra el. Feriuno de morte en Ibleam e suplantouno no trono. [11]O resto da historia de Zacarías aí está escrita no Libro das Crónicas dos
reis de Israel. [12]Nel cumpriuse a palabra que
o Señor dixera a Iehú: "Os teus fillos sentarán no trono de Israel ata a cuarta xeración".
E así foi.

### Xalum de Israel

[13]Xalum, fillo de Iabex, empezou a reinar
no ano trinta e nove do reinado de Ozías de
Xudá. Reinou un mes en Samaria. [14]De Tirsah subiu Menahem, fillo de Gadí, entrou en
Samaria, feriu de morte a Xalum, fillo de Iabex, e suplantouno no trono.
[15]O resto da historia de Xalum e a súa
conspiración está toda escrita no Libro
das Crónicas dos reis de Israel. [16]Menahem arrasou Tirsah, cos seus habitantes e
o seu territorio, desde Tirsah, porque non
lle abriran as portas, e fendeulles o seo ás
embarazadas.

### Menahem de Israel

[17]No ano trinta e nove do reinado de Azarías en Xudá empezou a reinar en Israel Menahem, fillo de Gadí. Reinou dez anos en
Samaria. [18]Fixo o mal aos ollos do Señor.
Non se afastou en toda a súa vida dos pecados que Ieroboam, fillo de Nabat, fixera cometer a Israel. [19]Pul, rei de Asiria, invadiu o
país e Menahem entregoulle mil talentos de
prata, para que o axudase a asegurar o reino
nas súas mans. [20]Menahem recadou o diñeiro
que tiña que dar ao rei de Asiria entre a xente
máis rica de Israel, a cincuenta siclos de prata
cada un. O rei de Asiria retirouse, sen deterse
máis no país.
[21]O resto da historia de Menahem e todo o
que fixo, non está escrito no Libro das Crónicas dos reis de Israel? [22]Menahem adormeceu
con seus pais e sucedeuno no trono o seu fillo
Pecahías.

### Pecahías de Israel

[23]No ano cincuenta do reinado de Azarías
en Xudá empezou a reinar sobre Israel, en
Samaria, Pecahías, fillo de Menahem. Reinou dous anos. [24]Fixo o mal aos ollos do
Señor. Non se arredou dos pecados que Ieroboam, fillo de Nabat, fixera cometer a Israel.
[25]O seu oficial Pécah, fillo de Remalía, conspirou contra el e matouno en Samaria, na torre do palacio real, xunto con Argob e Arieh;
levaba con el cincuenta galaaditas. Matouno
e suplantouno no trono. [26]O resto da historia
de Pecahías e todo o que fixo está escrito no
Libro das Crónicas dos reis de Israel.

### Pécah en Israel

[27]No ano cincuenta e dous do reinado de
Azarías en Xudá empezou a reinar sobre
Israel, en Samaria, Pécah, fillo de Remalía.
Reinou vinte anos. [28]Fixo o mal aos ollos do
Señor. Non se arredou dos pecados que Ieroboam, fillo de Nabat, fixera cometer a Israel.
[29]No reinado de Pécah en Israel veu Teglatpeléser, rei de Asiria, e apoderouse de Iión,
Abel-Bet-Macah, Ianóah, Cadex, Hasor, Galaad e do territorio de Naftalí, en Galilea, e
desterrou os seus habitantes a Asiria. [30]Oseas,
fillo de Elah, conspirou contra Pécah, fillo de
Remalía, feriuno de morte e suplantouno no
trono, no ano vinte de Iotam, fillo de Ozías.
[31]O resto da historia de Pécah e todo o que
fixo está escrito no Libro das Crónicas dos
reis de Israel.

**15**, 10 Seguimos o texto grego, pois o hebreo, neste caso, está estragado.
**15**, 12 Co asasinato de Zacarías rematan as catro xeracións da dinastía de Iehú, segundo a palabra profética (2 Re **10**, 30). Os rexicidios abundaron nos reinos que viñeron detrás.
**15**, 13s O reinado dun mes de Xalum é dos máis curtos; supérao niso só Zimrí, que reinou sete días (1 Re **16**, 15).
**15**, 19 Con Pul (Teglatpeléser III) empeza Asiria a facer presión sobre Israel, no ano 738. Volveu ao pouco tempo, no reinado de Pécah (733) (2 Re **15**, 29). O feito consta tamén na historia asiria.
**15**, 25 O asasinato obedece ás presións antiasirias. O pobo non quere un rei que se aveña a elas.
**15**, 29 Castigo do rei que derrocara ao seu antecesor, por someterse aos asirios. Unha boa parte de Israel foi anexionada por estes naquela ocasión (ano 733s).
**15**, 30 Oseas conspira, para someter Israel aos asirios, e dese xeito evitar males peores. O rei asirio gábase de que o puxera el no trono.

### Iotam de Xudá

[32]No ano segundo do reinado de Pécah,
fillo de Remalía, sobre Israel, empezou a rei-
nar en Xudá Iotam, fillo de Ozías. [33]Tiña vin-
te e cinco anos cando subiu ao trono e reinou
vinte anos en Xerusalén. Súa nai chamábase
Ieruxá, filla de Sadoc. [34]Fixo o que é debido
aos ollos do Señor, como fixera Ozías, seu
pai. [35]Mais os altares dos outeiros non desa-
pareceron, e a xente seguía ofrecendo neles
sacrificios e incenso. Iotam construíu a porta
superior do templo do Señor.

[36]O resto da historia de Iotam e o que fixo,
non está escrito no Libro das Crónicas dos
reis de Xudá? [37]No seu tempo empezou a
mandar o Señor, contra Xudá, a Resín, rei de
Aram, e a Pécah, fillo de Remalía. [38]Iotam
adormeceu con seus pais e enterrárono con
eles na cidade de seu pai David. Sucedeuno
no trono o seu fillo Acaz.

### Acaz de Xudá

**16** [1]No ano dezasete de Pécah, fillo de
Remalía, empezou a reinar en Xudá
Acaz, fillo de Iotam. [2]Tiña vinte anos cando
subiu ao trono e reinou vinte anos en Xerusa-
lén. [3]Non fixo o que é debido aos ollos do Se-
ñor, seu Deus, coma seu pai David. Foi polo
camiño dos reis de Israel. Sacrificou mesmo
na fogueira ao seu fillo, seguindo o abomina-
ble costume dos pobos que o Señor expulsara
de diante dos israelitas. [4]Ofreceu sacrificios
e queimou incenso nos outeiros, nos cotare-
los e debaixo de toda árbore vizosa. [5]No seu
tempo Resín, rei de Aram, e Pécah, fillo de
Remalía, rei de Israel, subiron para atacar
Xerusalén. Cercárona, mais non a puideron
conquistar. [6]Por aquel mesmo tempo o rei de
Edom recuperou Eilat, desbotando de alí a
Xudá. Os edomitas entraron en Eilat e que-
daron alí ata o día de hoxe. [7]Acaz mandou
mensaxeiros a Teglatpeléser, rei de Asiria,
para dicirlle: –Son o teu servo e o teu fillo.
Ven e líbrame do poder do rei de Aram e do
rei de Israel, que se ergueron en contra miña.
[8]Acaz botou man da prata e do ouro, que
había no templo do Señor e no tesouro do pa-
lacio real, e mandoullo coma agasallo ao rei
de Asiria. [9]O rei de Asiria atendeuno e subiu
contra Damasco. Tomou a cidade, desterrou
aos seus habitantes a Quir e matou a Resín.
[10]O rei Acaz foi a Damasco, para encontrarse
con Teglatpeléser, rei de Asiria. Ao ver o al-
tar que había alí, Acaz mandoulle ao sacerdo-
te Urías un debuxo do mesmo, cos datos da
súa feitura. [11]O sacerdote Urías construíu un
altar, seguindo as instrucións que lle mandara
o rei desde Damasco. Antes de o rei volver,
o sacerdote tíñao todo acabado. [12]A súa volta
de Damasco o rei viu o altar, achegouse e su-
biu a el [13]e queimou enriba del o holocausto
e a ofrenda, verteu unha libación e esparexeu
no altar o sangue dos sacrificios de comuñón
que ofrecera. [14]O altar de bronce que estaba
diante do Señor, guindouno da fronte do tem-
plo, de entre o templo e o altar novo, e púxoo
do lado norte do altar novo. [15]Despois o rei
Acaz deulle ao sacerdote Urías estas nor-
mas: –Enriba deste altar grande queimarás o
holocausto da mañá e a ofrenda da tarde, o
holocausto e a ofrenda do rei, o holocausto
e a ofrenda do pobo. Por riba del verterás as
súas libacións e o sangue de todo holocausto
e sacrificio. O altar de bronce déixao quedar
da miña conta.

[16]O sacerdote Urías fixo todo o que lle man-
daba o rei Acaz. [17]O rei Acaz fixo, pola súa
parte, arrincar as molduras das bases e tirou de
enriba delas as pías; baixou o "mar" de bronce
de riba dos touros de bronce que o sostiñan, e
asentouno no pavimento de pedra. [18]Por mor
tamén do rei de Asiria, retirou do templo do
Señor a tribuna real que puxeran alí, e supri-
miu a entrada exterior pensada para o rei.

[19]O resto da historia de Acaz e os seus fei-
tos, non está todo escrito no Libro das Cróni-
cas dos reis de Xudá? [20]Acaz adormeceu con
seus pais e enterrárono onda eles, na cidade
de David. Sucedeuno no trono o seu fillo
Ezequías.

**15**, 37 A cometida de Resín, rei de Aram, e de Pécah, rei de Israel, contra Xudá, marca o comezo da guerra siro-efraimita, que se desenvolverá baixo Acaz.
**16**, 3 Paso polo fogo, en sacrificio (2 Re **21**, 6; **23**, 10).
**16**, 5ss A guerra siro-efraimita, que comezara nos días de seu pai, segue agora con Acaz. Aram e Israel queren forzar o rei de Xerusalén a unha alianza contra Asiria. Acaz pídelles axuda aos asirios, declarándose o seu vasalo (v. 7). Entón Asiria invade Aram, e máis tarde tamén Israel. O profeta Isaías opúxose a esa política de Acaz, e daquela pronunciou o oráculo do Enmanuel (Is **7**).
**16**, 6 Edom, tradicionalmente vasalo de Xudá, aproveitou a circunstancia da guerra siro-efraimita para rebelarse e recuperar Eilat.
**16**, 10 O novo altar no templo e as outras reformas de Acaz son parte da súa política de sometemento a Asiria.
**16**, 14 Trátase do altar de bronce que puxera alí Salomón (1 Re **8**, 64; **9**, 25).

### Oseas, rei de Israel

**17** [1]No ano doce do reinado de Acaz en Xudá empezou a reinar sobre Israel, en Samaria, Oseas, fillo de Elah. Reinou nove anos. [2]Fixo o mal aos ollos do Señor, mais non coma os reis de Israel que o precederan. [3]Xalmanasar, rei de Asiria, subiu para atacalo; pero Oseas sometéuselle e pagoulle tributo. [4]Máis tarde o rei de Asiria descubriu que Oseas se rebelara contra el, pois mandara mensaxeiros a So, rei de Exipto, e non lle pagaba ao rei de Asiria o tributo, coma todos os anos. Entón o rei de Asiria prendeuno e meteuno na cadea. [5]Despois o rei de Asiria invadiu o país enteiro e cercou Samaria por tres anos. [6]No ano noveno de Oseas, o rei de Asiria conquistou Samaria e desterrou os israelitas a Asiria. Instalounos en Halah, onda o Habor, río de Gozán, e nas cidades de Media.

### As razóns da catividade de Israel

[7]Iso aconteceu porque os israelitas pecaron contra o Señor, o seu Deus, que os tirara de Exipto, do xugo do faraón, rei de Exipto; pero eles adoraron outros deuses. [8]Seguiron os costumes das nacións que o Señor expulsara de diante deles, costumes que os reis de Israel introduciron.

[9]Os israelitas fixeron o mal na presenza do Señor, o seu Deus: construíron altares idolátricos en todos os seus poboados, desde torres de vixilancia a cidades fortificadas, [10]e ergueron estelas e imaxes de Axtarté en todos os outeiros e debaixo de toda árbore vizosa. [11]Alí queimaron incenso, coma as nacións que o Señor expulsara de diante deles; cometeron maldades, que provocaron o anoxo do Señor. [12]Rendéronlles culto aos ídolos, malia que lles tiña dito o Señor: "Non fagades tal cousa". [13]O Señor advertira a Israel e a Xudá mediante os profetas e os videntes: "Deixádevos dos malos camiños e gardade os mandamentos, os preceptos e as leis, que eu lles prescribín a vosos pais e que vos inculquei a vós a través dos meus servos os profetas". [14]Pero eles non obedeceron. Volvéronse testáns, coma seus pais, que non confiaran no Señor, o seu Deus. [15]Rexeitaron os seus mandatos, a alianza que el concluíra con seus pais, e os avisos que lles dera. E fóronse detrás de vaidades, facéndose vans eles mesmos, e coas xentes dos seus arredores, aínda que o Señor lles mandara que non fixesen coma eles. [16]Deixaron os mandamentos do Señor, o seu Deus, e fixeron ídolos de metal fundido, dous becerros e unha estela; axeonlláronse perante todo o exército dos astros e rendéronlle culto a Baal. [17]Sacrificaron no lume os seus fillos e as súas fillas. Practicaron artes de mal agoiro e bruxarías, vendéronse, facendo o mal aos ollos do Señor, provocando a súa carraxe.

[18]O Señor anoxouse tanto contra Israel, que o botou da súa presenza. Non quedou máis ca a tribo de Xudá; [19]mesmo tampouco Xudá gardou os mandatos do Señor, o seu Deus, e imitou a conduta de Israel. [20]O Señor rexeitou a liñaxe de Israel, aflixiunos e entregounos nas mans dos seus espoliadores, e botounos da súa presenza. [21]Israel afastárase da familia de David e elixira por rei a Ieroboam, fillo de Nabat. E Ieroboam desviara a Israel do culto do Señor e fixéralle cometer graves pecados. [22]Os israelitas imitaron os pecados que cometera Ieroboam, sen arredarse en nada del, [23]ata que Deus os botou da súa presenza, como llo tiña advertido polos seus servos os profetas. Israel foi deportado da súa terra para Asiria, onde está ata hoxe.

[24]O rei de Asiria trouxo alí xente de Babilonia e de Cutah, de Avá, Hamat e Sefarvaim, e asentouna nas cidades de Samaria, no lugar dos israelitas. Esa xente tomou posesión de Samaria e estableceuse alí, nas súas cidades. [25]Desde o comezo do seu asentamento non recoñeceron o Señor, e o Señor enviou leóns, que mataron moitos deles.

**17**, 1-6 O reino de Israel acaba con este usurpador, Oseas, que, coa súa política proexipcia, precipitou o final. Non se sabe ben que faraón corresponde ao nome de So. Hai quen corrixe So por Sais. O rei de Asiria que invadiu Israel e cercou Samaria por tres anos (724-722) foi Xalmanasar V. A cidade caeu no ano da entronización do seu sucesor, Sargón II (721). Unha parte da poboación de Israel foi desterrada ao norte de Mesopotamia e ás cidades de Media, no leste (cf libro de Tobías), e a nación converteuse en provincia asiria.

**17**, 7-23 É un discurso interpretativo da historia, coas razóns do desterro de Israel. O mal empeza para o autor co cisma relixioso de Ieroboam, pecado orixinal no que caeron todos os reis de Israel, ata o derradeiro, Oseas. Pegado a iso vén deseguida o sincretismo do iavismo coa relixión naturista cananea. Israel non tivo en conta o que Deus fixera por eles, o que lles mandara pola súa lei e o que lles advertira todos os días polos seus servos os profetas.

**17**, 19 Un engadido, que recorda tamén os pecados de Xudá e o seu desterro, no ano 586.

**17**, 21-23 Recolle en versión máis curta o pecado e o castigo de Israel.

**17**, 24-41 Os asirios cambiaban de sitio os pobos que sometían. A terra de Israel viñeron outras xentes. O historiador quérenos dar a súa imaxe irónica e crítica da orixe dos samaritanos: no aspecto étnico, mesturados; no relixioso, dexenerados.

[26]Daquela fixéronlle saber ao rei de Asiria: –A xente que trasladaches, para asentala nas cidades de Samaria, non coñece o culto do deus do país. Este manda leóns que os mata, porque eles non coñecen o seu culto.
[27]Daquela deu o rei de Asiria esta orde: –Levade un dos sacerdotes desterrados, que se estableza alí e que lles aprenda o culto do Deus do país.
[28]Axiña veu un dos sacerdotes desterrados de Samaria, estableceuse en Betel e aprendíalles a maneira de lle render culto ao Señor. [29]Pero cada un daqueles pobos fixo os seus deuses e puxéronos nos outeiros que os samaritanos construíran, cada pobo na mesma cidade en que asentaran. [30]Os de Babilonia fixeron unha imaxe de Sucot-Benot, os de Cut unha de Nergal, os de Hamat a de Aximá, [31]os de Avá a de Nibhaz e a de Tartac, os de Sefarvaim sacrificaban no lume os seus fillos en honor de Adramélec e de Anamélec, que eran os seus deuses. [32]Tamén lle rendían culto ao Señor e escolleron sacerdotes de entre a xente común, para que ofrecesen sacrificios por eles nos outeiros. [33]Veneraban o Señor e, ao mesmo tempo, os seus deuses, conforme os ritos do país de onde viñeran desterrados. [34]Ata o día de hoxe seguen practicando os ritos máis antigos. Non temen o Señor e non viven conforme os seus mandatos, os seus estatutos e a súa lei, e os preceptos que o Señor lles prescribira aos fillos de Xacob, a quen puxera por nome Israel.
[35]O Señor fixera con eles un pacto e prescribíralles: "Non temeredes outros deuses, non os adoraredes, non os serviredes, non lles ofreceredes sacrificios. [36]Temeredes o Señor, que con moito poder do seu forte brazo vos tirou do país de Exipto. Soamente o adoraredes a El e ofrecerédeslle os vosos sacrificios. [37]Cumpride talmente, toda a vida, os seus mandamentos e os seus estatutos, a súa lei e os seus preceptos, os que El vos deu por escrito. E non adoredes outros deuses. [38]Non esquezades a Alianza que eu fixen convosco, adorando outros deuses. [39]Adorade soamente o Señor, o voso Deus, e El libraravos do poder de todos os vosos inimigos". [40]Mais eles non o obedeceron, senón que seguiron vivindo segundo os antigos costumes. [41]Dese xeito, aquela xente adoraba o Señor e, ao mesmo tempo, dáballes culto aos seus ídolos. Os seus fillos e os seus netos seguen facendo o mesmo ca os seus pais, ata o día de hoxe.

## O REINO DE XUDÁ ATA O DESTERRO

### Ezequías de Xudá

**18** [1]Ezequías, fillo de Acaz, empezou a reinar en Xudá no ano terceiro do reinado de Oseas, fillo de Elah, en Israel. [2]Tiña vinte e cinco anos cando subiu ao trono e reinou vinte e nove anos en Xerusalén. Súa nai chamábase Abí, filla de Zacarías.
[3]Fixo o que é debido aos ollos do Señor, seguindo o exemplo do seu pai David. [4]Suprimiu os altares dos outeiros, rompeu as estelas, fanou as imaxes de Axtarté e quebrou a serpe de bronce que erguera Moisés, porque os israelitas seguían aínda nos seus días queimándolle incenso. Chamábanlle Nehuxtán.
[5]Ezequías puxo a súa esperanza no Señor, Deus de Israel. Non houbo outro coma el entre os reis que o sucederon en Xudá, como non o houbera entre os que o precederan. [6]Estivo apegado ao Señor e non se afastou del, cumprindo os preceptos que o Señor lle prescribira a Moisés. [7]O Señor estivo con el e fixo prosperar todos os seus proxectos.

**17**, 26-28 Razón do culto do Señor entre xentes doutras relixións. O v. 27 é un engadido, que di: "O rei de Asiria deu esta orde: Mandade para aló un dos sacerdotes que deportamos de alí: que vaia e resida aló, e que lles aprenda o culto do deus do país".
**17**, 29-34. 41 A gran confusión relixiosa.
**17**, 34-40 Volve ás razóns do desterro de Samaria, tema da primeira parte desta longa reflexión. No medio segue estando o tema da alianza.
**18** *Ezequías* é un dos reis reformadores, primeiro na liña de Asá e de Ioxafat (1 Re **15**, 9ss; **22**, 47) e despois na de Ioxías (2 Re **23**). Por iso merece a loanza do autor deuteronomista (e tamén de 2 Cro **29-31**). A reforma consiste en medidas de centralización do culto en Xerusalén e en limpar Xudá da idolatría cultivada nos santuarios locais.
**18**, 4 Sobre a orixe do culto á serpente de bronce, cf Núm **21**, 8s. Tiña algo que ver co culto á fertilidade.
**18**, 7s Ezequías quería restaurar o reino de David; pero, por mor dos asirios, terá axiña dificultades para manter o reino de Xudá.

Rebelouse contra o rei de Asiria e deixou de pagarlle vasalaxe. [8]Derrotou os filisteos ata Gaza e devastou o seu territorio, desde as torres de vixía ata as cidades fortificadas.

### Lembranza da destrución de Samaria

[9]No ano cuarto do reinado de Ezequías, que era o sétimo do reinado de Oseas, fillo de Elah, en Israel, subiu Xalmanasar, rei de Asiria, contra Samaria e cercouna. [10]Ao cabo de tres anos, no ano sexto de Ezequías, que corresponde co noveno do reino de Oseas en Israel, conquistouna. [11]O rei asirio desterrou os israelitas para Asiria e instalounos en Halah, onda o Habor, río de Gozán, e nas cidades de Media. [12]Foi por non obedeceren eles o Señor, o seu Deus, e por quebraren o seu pacto. Non lle fixeron caso nin cumpriron o que lles mandara Moisés, servo do Señor.

### Invasión de Senaquerib e cerco de Xerusalén

[13]No ano catorce do reinado de Ezequías, rubiu Senaquerib, rei de Asiria, contra todas as cidades fortificadas de Xudá e conquistounas. [14]Entón Ezequías, rei de Xudá, mandou a Láquix para dicirlle ao rei de Asiria: –Recoñézome culpable. Retírate e pagareiche o que me impoñas.

O rei de Asiria impúxolle a Ezequías, rei de Xudá, un pago de trescentos siclos de prata e de trinta de ouro. [15]Ezequías entregoulle a prata toda que había no templo do Señor e no tesouro do palacio real. [16]Naquela ocasión tivo Ezequías que arrincar as follas das portas do santuario do Señor e o ouro co que el mesmo recubrira os seus marcos, e darllo todo ao rei de Asiria. [17]O rei de Asiria mandou desde Láquix o xefe do exército, o xefe dos seus servidores e o copeiro maior, cun forte destacamento, para que fosen a Xerusalén, onda o rei Ezequías. Cando chegaron a Xerusalén, detivéronse onda a canle do estanque de arriba, que queda no camiño do campo do Bataneiro. [18]Chamaron polo rei, e saíronlles Eliaquim, fillo de Hilquías, mordomo do palacio, Xébnah, o secretario, e o cronista Ioah, fillo de Asaf. [19]Díxolles o copeiro maior: –Dicídelle a Ezequías: Isto di o gran rei, o rei de Asiria: "En que apoias a túa confianza? [20]Pensas que as palabras dos beizos son estratexia e forza para a guerra? En que confías agora, para te repoñeres contra min? [21]Ben seguro que estás confiando no apoio desa cana rota de Exipto. O que se apoia nela crávaselle na man e atravésalla. Iso é o faraón, rei de Exipto, para os que fían nel. [22]Pero se dicides: "Confiamos no Señor, noso Deus", non eran seus os outeiros e os altares que derrubou Ezequías, mandándolle a Xudá e a Xerusalén que adorasen soamente diante do altar de Xerusalén?". [23]Fai agora mesmo esta aposta co meu señor, o rei de Asiria: Douche dous mil cabalos, se tes homes que os monten. [24]Como poderías resistir a calquera dos máis pequenos entre os oficiais do meu señor, confiado en que Exipto che dea carros e xinetes? [25]Pero, ademais, pensas que eu subín a este lugar para arrasalo, sen contar co Señor? O Señor ordenoume: "Sube contra esa terra e arrásaa".

[26]Eliaquim, fillo de Hilquías, e Xébnah, fillo de Ioah, pedíronlle ao copeiro maior: –Fálanos, por favor, en arameo, que o entendemos, mais non nos fales en xudeu, e que oia a xente que está por riba das murallas.

[27]A iso respondeulles o copeiro maior: –Pensades que o meu señor me mandou para vos dicir estas cousas soamente ao voso amo e a vós, e non tamén á xente que está sobre das murallas, que terá que comer convosco o seu propio esterco e beber os seus mexos?

[28]E entón ergueuse o copeiro maior e berrou na lingua dos xudeus: –Escoitade a palabra que vos di o gran rei, o rei de Asiria: [29]"Non vos deixedes enganar por Ezequías,

**18**, 9-12 Este recordo da caída de Samaria, na liña de 1 Re **17**, 5ss, convén que Xudá o manteña vivo.
**18**, 13-16 Senaquerib, fillo do rei Sargón II, que conquistara Samaria, invade agora Xudá e imponlle un rexo tributo a Ezequías, que se negara a pagarlle vasalaxe (Is **33**, 7-9).
**18**, 17-**19**, 34 Posible versión -máis detida que nos vv. precedentes-, da invasión de Senaquerib, no ano 701. Estaría contada por dúas veces, agora aquí reunidas, unha en **18**, 17-**19**, 8, e outra en **19**, 9-37. Pero tamén pode ser que se trate doutra invasión do rei asirio, algúns anos máis tarde. O relato atópase tamén en Is **36-37**.
**18**, 17 Despois de conquistar a cidade, Senaquerib puxo en Láquix o seu cuartel xeral.
**18**, 19-25 O discurso do copeiro maior fai burla das seguridades nas que se apoia Ezequías: as súas propias presuncións, a axuda de Exipto, a axuda de Deus. Deus nesta hora estaría do lado dos inimigos de Xudá.
**18**, 21 Tamén Isaías denuncia a confianza de Ezequías en Exipto (Is **19**, 1-15; **30**, 1-7; **31**, 1-3).
**18**, 26 Naquel momento o arameo era a lingua internacional de todo o próximo Oriente. O pobo de Xudá non a entendía, mais si as persoas cultivadas.
**18**, 27-35 O asirio quere amedrentar a poboación, afastala dos xefes e convencela con promesas, minando tamén, ao tempo, a súa confianza en Deus.

que non vos poderá librar das miñas mans”.
30Que Ezequías non vos faga confiar no Señor, dicindo: “De certo nos librará o Señor e
non entregará esta cidade no poder do rei de
Asiria”. 31Non lle fagades caso a Ezequías.
Isto é o que vos aconsella o rei de Asiria:
“Facede as paces comigo e sometédevos a
min, e cada un poderá comer da súa viña e da
súa figueira e beber auga do seu pozo, 32ata
que veña eu para levarvos a un país coma o
voso, terra de trigo e de mosto, terra de pan
e de viño, terra de aceite e de mel. Viviredes
e non morreredes”. Non lle fagades caso a
Ezequías, que vos engana, dicindo: “O Señor
hanos librar”. 33Houbo algún, entre os deuses
das nacións, que librase a súa terra do poder
do rei de Asiria? 34Onde están os deuses de
Hamat e de Arpad? Onde os de Sefarvaim, de
Hená e de Avá? Librou alguén da miña man a
Samaria? 35Cal de entre todos os deuses deses
países librou da miña man a súa terra? E vai
o Señor librar agora Xerusalén da miña man?

36A xente calou e non lle respondeu unha
palabra, pois o rei mandara que non lle res-
pondesen. 37Eliaquim, fillo de Hilquías, mor-
domo do palacio, Xébnah, o secretario, e
Ioah, fillo de Asaf, o cronista, presentáronse
onda Ezequías coa roupa rachada, e referí-
ronlle todo o que dixera o copeiro maior.

### Embaixada a Isaías

**19** 1Cando o rei Ezequías o oíu, rachou as
súa roupa e vestiuse de saco, e entrou
no templo do Señor. 2Despois mandou a Elia-
quim, mordomo do palacio, a Xébnah, o se-
cretario, e aos sacerdotes e aos anciáns, todos
vestidos de saco, onda o profeta Isaías, fillo
de Amós, a comunicarlle: 3–Isto di Ezequías:
“Hoxe é un día de angustia, de castigo e de
vergonza. Os nenos están para nacer e non
hai forza para parilos. 4Quizais o Señor, o teu
Deus, escoitou as palabras do copeiro maior,
a quen o seu amo, o rei de Asiria, mandou
para aldraxar o Deus vivo, e quizais o casti-
gue o Señor, o teu Deus, polas palabras que
escoitou. Ti reza por este resto que queda
aínda”.

5Os servidores do rei Ezequías foron onda
Isaías, 6e este mandoulles: –Dicídelle ao
voso amo que isto di o Señor: “Non te aco-
vardes polas palabras que oíches, coas que os
criados do rei de Asiria me aldraxaron. 7Eu
vou pór nel un espírito, e cando lle chegue
unha nova, volverase cara á súa terra, e alí
fareino caer a fío de espada”.

8O copeiro maior regresou e encontrouse
co rei de Asiria combatendo contra Líbnah.
Oíra xa que o rei se retirara de Láquix, 9des-
pois de que lle chegara a nova de que Tirhá-
cah, rei de Exipto, saíra á guerra en contra
del. 10Senaquerib mandou de segunda men-
saxeiros a Ezequías, para dicirlle ao rei de
Xudá: –Non te deixes enganar polo Deus en
quen confías, pensando que Xerusalén non
será entregada nas mans do rei de Asiria. 11Ti
mesmo tes sabido como tratan os reis de Asi-
ria as outras nacións e cantas teñen exterми-
nado. E íaste librar ti? 12Por acaso salvaron
os seus deuses os países que destruíron meus
pais, Gozán, Harán, Résef e os fillos de Edén
que estaban en Telasar? 13Onde está o rei de
Hamat e o de Arpad, o de Sefarvaim, o de
Hená e o de Avá?

### Oración de Ezequías

14Ezequías colleu as cartas que traían os
mensaxeiros, e leunas. Despois subiu ao tem-
plo e estendeunas diante do Señor. 15Ezequías
fíxolle entón esta oración ao Señor:

Señor, Deus de Israel,
que sentas sobre os querubíns,
soamente ti es Deus
sobre todos os reinos da terra.
16Abaixa, Señor, os oídos e escoita,
abre, Señor, os ollos e mira.
Escoita a mensaxe
que mandou Senaquerib
para aldraxar o Deus vivo.
17É certo, Señor, que os reis de Asiria
arrasaron as nacións e as súas terras,
18queimando e destruíndo os seus deuses,
porque non eran deuses,
senón feitura das mans dos homes,
madeira e pedra.

**19** O recurso ao profeta está na pura tradición dos costumes dos reis de Xudá, desde David que levaba sempre ao seu lado o seu vidente Gad. Tamén os reis de Israel consultaron a Elías, a Eliseo, a Miqueas (fillo de Imlah) e a outros profetas.
**19**, 4 A intercesión é función ben coñecida dos profetas (Xer **7**, 16; **11**, 14; Am **7**). O tema do resto en Amós (**5**, 15), e, máis desenvolto, en Isaías (**4**, 3; **7**, 3; **10**, 20s).
**19**, 7 A “nova” parece referirse a noticias da situación en Asiria, que chegaron a Senaquerib e que o forzaron a volver para Nínive, onde foi asasinado (2 Re **19**, 36s).
**19**, 9 A saída do faraón non foi o que fixo volver a Senaquerib para Asiria.
**19**, 10-13 Aquí Senaquerib desafía ao Señor en quen confía Ezequías. No c. **18** dicía que estaba da súa parte.
**19**, 14 Ao estender a carta á vista do Señor, o rei converte en motivo de súplica o que hai escrito nela. Que Deus vexa e xulgue.

19 Agora, Señor, noso Deus,
sálvanos da súa man,
para que saiban os reinos do mundo
que soamente ti es Deus, Señor.

**Profecía de Isaías**

20 Isaías, fillo de Amós, mandou dicir a
Ezequías: –Isto di o Señor, Deus de Israel:
Escoitei a oración que me fixeches, respecto
de Senaquerib, rei de Asiria. 21 Esta é a pala-
bra que pronuncia o Señor en contra del:

Abáfate e rise de ti
a virxe, filla de Sión;
abanea a cabeza ás túas costas
a filla de Xerusalén.
22 De quen blasfemas, a quen aldraxas,
contra quen ergues a voz
e levantas soberbiamente os teus ollos?
Contra o Santo de Israel!
23 Por medio dos teus mensaxeiros
ofendes o Señor, dicindo:
"Coa multitude dos meus carros
subirei ao cume dos montes,
ás alturas do Líbano.
Tronzarei os seus altos cedros
e os seus escollidos cipreses.
Chegarei aos seus remotos recunchos,
ata ao mesmo fondo do bosque.
24 Eu escavarei e beberei
augas estranxeiras.
Enxugarei coa planta dos meus pés
todos os ríos de Exipto".
25 É que non o oíches?
Desde lonxe xa o teño preparado;
desde tempos afastados téñoo decidido,
e agora vouno cumprir.
Por iso convertes ti en pardiñeiros
as súas cidades fortificadas.
26 Os seus moradores atópanse sen forzas,
están todos amedrentados e confusos.
Volvéronse coma o alcacén do campo,
coma o verde da pradaría,
coma a herba das terrazas,
que agosta antes de crecer.
27 Eu sei cando ti sentas e te ergues,
cando saes e cando entras
e cando te enrabechas contra min.
28 Porque onda min chegou o teu anoxo
e os teus aturuxos chegaron
aos meus oídos,
poreiche unha argola no nariz
e un freo no fociño,
e fareite volver polo camiño
por onde viñeches para aquí.
29 E a Ezequías: Que isto che sirva de sinal:
Este ano comerás gran de rebusco
e, para o ano que vén, do que medre só.
Pero no ano terceiro
sementaredes e segaredes,
plantaredes viñas
e comeredes os seus froitos.
30 O resto que queda de Xudá
botará raíces novas para abaixo
e dará froitos para arriba.
31 Porque de Xerusalén sairá un resto
e do monte Sión sobreviventes.
O celo do Señor fará isto.
32 Por iso, isto di o Señor do rei de Asiria:
Non entrará nesta cidade,
nin tirará contra ela unha frecha,
non se achegará onda ela co escudo
nin botará contra ela un terraplén,
trincheira, foxos.
33 Polo camiño por onde veu,
dará a volta, sen entrar nesta cidade.
Palabra do Señor.
34 Eu defenderei esta cidade e salvareina,
pola honra do meu nome
e o do meu servo David.

**Desfeita de Senaquerib**

35 Aquela mesma noite saíu o anxo do Se-
ñor e feriu no campamento asirio a cento oi-
tenta e cinco mil homes. Na hora de erguerse
á mañá, eran todos cadáveres. 36 Senaquerib,
rei de Asiria, levantou o campamento, deu a
volta para Nínive e quedou alí. 37 Un día que
estaba axeonllado no templo de Nisroc, o seu
deus, Adramélec e Xaréser matárono coa es-
pada, e liscaron para o país de Ararat. Suce-
deuno no trono o seu fillo Esarhadón.

**Doenza e cura de Ezequías**

**20** 1 Por aquel tempo Ezequías enfermou
como para morrer. O profeta Isaías, fi-
llo de Amós, foi visitalo e anuncioulle: –Pre-

**19**, 20-28 A palabra do profeta trae a resposta á oración. O profeta replica ao discurso soberbio de Senaquerib cun canto de burla sobre a impotencia de Asiria diante do Señor, que ten nas súas mans o que Asiria fará e non fará, e que dirixe a historia.
**19**, 29-31 Anuncio de salvación para Ezequías, coma nos vv. 6ss.
**19**, 32-34 Senaquerib non chegará a conquistar a cidade. Tema para os cantos de Sión (Sal **46**; **48**). Do cerco do ano 701 quedou en Xerusalén unha imaxe limpa e clara da salvación do Señor.
**19**, 35 Pode ser que este mensaxeiro do Señor teña que ver cunha peste que azoutou ao exército asirio, semellante á de 2 Sam **24**, 15-17, e en Éx **12**, 29s, e que ela o forzara a levantar o cerco da cidade.
**20** A doenza de Ezequías e a embaixada de Merodak Baladán (Is **38-39**) deben suporse cronoloxicamente antes do tema dos cc. **18-19**.

para o testamento, porque vas morrer e non seguirás vivo.

[2]Ezequías virou a faciana cara á parede e pediulle ao Señor: [3]–Ai, Señor, tenme en conta que sempre andei con sinceridade e integridade diante de ti, e que fixen o que é debido aos teus ollos.

E rompeu a chorar, desfeito en bágoas. [4]Isaías non saíra aínda do patio principal, cando recibiu esta palabra do Señor: [5]–Volve onda Ezequías, xefe do meu pobo, e dille que isto di o Señor, Deus do seu pai David: "Escoitei a túa oración e vin as túas bágoas. Agora voute curar. Á volta de tres días poderás subir ao templo do Señor. [6]Aos días da túa vida engadireilles quince anos. Librareite das mans do rei de Asiria, a ti e a esta cidade. Protexerei esta cidade, polo honor do meu nome e o do meu servo David".

[7]Entón mandou Isaías: –Traede unha bica de figos. En canto a traian, que lla poñan na chaga, e sandará.

[8]Ezequías preguntoulle a Isaías: –Cal será o sinal de que o Señor me sandará e de que á volta de tres días poderei subir ao templo do Señor?

[9]E Isaías respondeulle: –Este será para ti o sinal de que o Señor cumprirá a palabra que che deu: Queres que a sombra adiante dez graos, ou que os atrase?

[10]Ezequías respondeulle: –É cousa fácil que a sombra avance dez graos. Non; quero que atrase en dez graos.

[11]O profeta Isaías invocou entón o Señor, que fixo que a sombra retrocedese dez graos dos que xa percorrera no reloxo de Acaz.

### Embaixada de Merodak Baladán

[12]Daquela, o rei de Babilonia, Merodak Baladán, fillo de Baladán, ao ter noticia da doenza de Ezequías, mandoulle unha carta e un agasallo. [13]Ezequías folgouse coa visita e mostroulles a casa do tesouro: a prata, o ouro, os perfumes, os óleos escolleitos, a vaixela e todo o que había no tesouro. Non quedou cousa no palacio nin no reino que Ezequías non lles amosase. [14]Entón presentouse o profeta Isaías ao rei Ezequías e preguntoulle: –Que che dixeron eses homes e de onde veñen para verte?

Ezequías respondeulle: –Veñen dun país de moi lonxe, de Babilonia.

[15]Preguntou o profeta: –E que viron no teu palacio?

Ezequías respondeulle: –Viron todo o que hai no meu palacio. Non quedou cousa no meu tesouro que non lles amosase.

[16]Isaías díxolle entón a Ezequías: –Escoita a palabra do Señor: [17]"Virá un día, en que será levado a Babilonia todo o que hai no teu palacio e todo o que ata hoxe atesouraron teus pais. Nada quedará, di o Señor. [18]E aos fillos que nacerán de ti, que ti xerarás, levaranos para servidores do palacio do rei de Babilonia".

[19]Ezequías díxolle a Isaías: –Está ben a palabra do Señor que me anuncias. Porque pensaba: Polo menos haberá paz e seguridade mentres eu viva.

[20]O resto da historia de Ezequías, as súas proezas e as obras que fixo, non está todo escrito no Libro das Crónicas dos reis de Xudá? [21]Ezequías adormeceu con seus pais e sucedeuno no trono o seu fillo Menaxés.

### Menaxés de Xudá

**21** [1]Menaxés tiña doce anos, cando empezou a reinar, e reinou cincuenta e dous anos en Xerusalén. Súa nai chamábase Hefsibah. [2]Fixo o mal aos ollos do Señor, arremedando as cousas abominables das nacións que desbotara o Señor de diante dos israelitas. [3]Reconstruíu os altares dos outeiros, que destruíra seu pai Ezequías. Edificou altares para Baal, ergueu outra estela, coma a que fixera Acab, rei de Israel; axeonllouse

**20**, 1 *Prepara o testamento*: "pór a casa en orde" é dispoñer todas as cousas como se quere que queden detrás dun (2 Sam **17**, 23).
**20**, 7 Suponse que *a bica*, coma un emplasto que se achega, reduce a inflamación.
**20**, 11 *Un reloxo* de sol pode ser, sen máis, unha escaleira, onde nos seus chanzos se pode observar se o sol se adianta ou se atrasa de súpeto ou nun intre.
**20**, 12ss A visita do rei de Babilonia seguramente ía buscando o consentimento de Xudá para un pacto antiasirio.
**20**, 17s Anuncio do desterro babilónico, na boca de Isaías, meténdose adiantado na historia deste momento. Máis, en Is **21**, 12-15; **22**, 15-20; **23**, 26s. O rei non se inqueda por un futuro que queda lonxe (v. 19).
**20**, 20 Ezequías fixo escavar un túnel que levaba a auga de Guihón, fóra da cidade, por dentro do outeiro do Ofel, ata un estanque no val de Tiropeón, a piscina de Siloé. Esta quedaba dentro da cidade para poder abastecela, no caso dun cerco coma o de Senaquerib (Eclo **48**, 17; Is **22**, 11). As cousas seguen igual hoxe en día.
**21** Despois do retrato dun rei piadoso coma Ezequías vén o de seu fillo, o impío Menaxés. Con el triunfan as correntes contrarias á reforma e promoven unha antirreforma. O historiador deuteronomista non se ocupa de feito ningún de Menaxés, fóra dos males que causou (vv. 2-9) e do que deles dixo o Señor polos profetas. Xerusalén queda ameazada da sorte que xa correra Israel. O desterro de Xudá terá desde aquí como razón os pecados de Menaxés, que o futuro non esqueceu (2 Re **23**, 26s; **24**, 3).
**21**, 3 *O exército do ceo*, os astros, aos que daban culto os asirios e outros pobos.

e rendeulle culto ao exército do ceo. [4]Construíu altares no templo do Señor, do que o Señor mesmo dixera: "En Xerusalén porei eu o meu nome". [5]Construíu tamén altares para todo o exército do ceo nos dous adros do templo do Señor. [6]Pasou o seu fillo polo lume; deuse aos agoiros e á maxia, practicou a nigromancia e a adiviñanza; fixo o mal de moitas maneiras aos ollos do Señor, provocando o seu anoxo. [7]A imaxe que lle fixera a Axtarté púxoa no templo, do que o Señor lle dixera a David e ao seu fillo Salomón: "Neste templo, en Xerusalén, cidade que eu escollín, entre todas as tribos de Israel, porei eu para sempre o meu Nome. [8]Non volverei consentir que os israelitas vaguen fóra da terra que eu lles dei a seus pais, con tal de que fagan o que eu lles mandei, e que cumpran a lei que o meu servo Moisés lles prescribiu". [9]Pero eles non obedeceron. Menaxés encirrounos a facer cousas peores ca os pobos que desbotara o Señor de diante dos israelitas.

[10]O Señor dixo entón polos seus servos, os profetas: [11]—Xa que Menaxés, rei de Xudá, fixo esas cousas tan abominables, portándose peor ca, antes del, os amorreos, e deu causa para que tamén Xudá pecase cos seus ídolos, [12]por iso, isto di o Señor, Deus de Israel: "Vou traer sobre Xerusalén e sobre Xudá unha desgraza que, de grande, abouxará os oídos dos que a oian. [13]Medirei Xerusalén co mesmo cordel co que medín primeiro Samaria, e coa chumbada que botei sobre a familia de Acab. Fregarei Xerusalén como se frega un prato, que despois de fregado se pon boca abaixo". [14]Abandonarei o resto do meu herdo, e entregareinos nas mans dos seus inimigos, aos que servirán de presa e botín, [15]xa que fixeron o mal aos meus ollos, e, desde o día en que tirei a seus pais de Exipto ata hoxe, non pararon de anoxarme.

[16]Ademais diso, Menaxés verteu moito sangue inocente, ata alagar con el Xerusalén dun cabo ao outro; e, por riba, os pecados que lle fixo cometer a Xudá, facendo o mal aos ollos do Señor.

[17]O resto da historia de Menaxés, todo o que fixo e os pecados que cometeu, non está todo escrito no Libro das Crónicas dos reis de Xudá? [18]Menaxés adormeceu con seus pais e enterrárano no xardín do seu pazo, o xardín de Uzá. Sucedeuno no trono o seu fillo Amón.

### Amón de Xudá

[19]Amón tiña vinte e dous anos cando empezou a reinar. Reinou dous anos en Xerusalén. Súa nai chamábase Mexulémet, filla de Harus, de Iotbah.

[20]Fixo o mal aos ollos do Señor, como fixera seu pai Menaxés. [21]Seguiu o camiño de seu pai; adorou e rendeulles culto aos mesmos ídolos. [22]Abandonou o Señor, Deus dos seus pais, e non seguiu os seus vieiros. [23]Os cortesáns de Amón conspiraron contra el e matárono no seu palacio. [24]Mais a xente do país matou todos os que conxuraran contra o rei, e proclamaron sucesor o seu fillo Ioxías.

[25]O resto da historia de Amón e os seus feitos non están escritos no Libro das Crónicas dos reis de Xudá? [26]Enterrárono no seu túmulo, no xardín de Uzá. Sucedeuno no trono o seu fillo Ioxías.

### Ioxías de Xudá

**22** [1]Ioxías tiña oito anos cando empezou a reinar. Reinou trinta e un anos en Xerusalén. Súa nai chamábase Iedidah, filla de Adaías, de Boscat. [2]Fixo o que é debido aos ollos do Señor, andou polo camiño do seu pai David, sen desviarse nin á dereita nin á esquerda.

[3]No ano dezaoito do seu reinado mandou Ioxías o secretario Xafán, fillo de Asalías, fillo de Mexulam, ao templo do Señor, con este encargo: [4]—Vai onda o sumo sacerdote Hilquías, que colla o diñeiro ingresado no templo do Señor, recolleito da xente polos gardas da entrada, [5]e que llelo entregue aos capataces encargados das obras do templo do Señor, para que estes lles paguen aos que traballan na reparación das avarías do edifi-

**21**, 7 Expresión curta de teoloxía do templo (1 Re **8**).
**21**, 13-15 A sorte de Xudá, que primeiro se considerara coma "o resto", será como a sorte de Israel, porque a súa é tamén unha historia de infidelidade.
**21**, 16 A acusación trae á memoria a persecución de profetas no tempo de Acab. A tradición posbíblica aponlle a Menaxés o martirio de Isaías.
**21**, 24 *A xente do país* é a que forza sempre as cousas para manter no trono de Xudá, mesmo despois dunha revolta ou un rexicidio, a dinastía de David (2 Re **11**, 13. 20; **23**, 30).

**22-23** Ioxías cóntase, con David e con Ezequías, entre os tres reis mellor tratados polo Libro dos Reis e por outras testemuñas da tradición (Eclo **49**, 4; 2 Cro **34-35**). A reforma relixiosa promovida por este rei é o gran tema da súa historia, despois de que esta conta o descubrimento do libro que provocou esa reforma. No tempo de Ioxías, Xudá non está xa apurado pola secular presión de Asiria, potencia a punto de caer. Pero Ioxías morre de súpeto en Meguido, cando se opuña ao paso cara a Asiria do faraón Nekó de Exipto.
**22**, 3-7 A reparación do templo está contada como a que mandara facer o rei Ioax (2 Re **12**, 12-16).

cio, [6]carpinteiros, canteiros e albaneis, e para mercar a madeira e a pedra de cantería que requiran as obras. [7]Que non se lles pidan contas do diñeiro que lles encomendan, pois son xente de fiar.

### O libro da Lei

[8]O sumo sacerdote Hilquías díxolle ao secretario Xafán: –Atopei o Libro da Lei no templo do Señor.

Hilquías entregoulle o libro a Xafán e este leuno. [9]O secretario Xafán foi onda o rei, para darlle conta do feito: –Os teus servidores recolleron o diñeiro que había no templo e entregáronllelo aos capataces, encargados das obras do templo do Señor. [10]E despois o secretario Xafán deulle a nova ao rei: –O sacerdote Hilquías deume este libro.

E Xafán leuno alí, diante do rei. [11]Cando oíu o rei as palabras do Libro da Lei, rachou a súa roupa [12]e mandou ao sacerdote Hilquías, a Ahicam, fillo de Xafán, a Acbor, fillo de Miqueas, ao secretario Xafán e a Asaías, oficial do rei: [13]–Ide consultar o Señor, por min, polo pobo e por todo Xudá, sobre o contido deste libro que atoparon. Moi grande ten que ser a carraxe do Señor, acesa contra nós, porque os nosos pais non fixeron caso das palabras deste libro e non cumpriron o que está escrito nel.

[14]Foron o sacerdote Hilquías, Ahicam, Acbor, Xafán e Asaías onda a profetisa Hulda, muller de Xalum, garda do vestiario, fillo de Ticvah, fillo de Harhás. Vivía no segundo barrio de Xerusalén.

Falaron con ela, [15]e ela respondeulles: –Isto di o Señor, Deus de Israel: [16]Dicídelle a quen vos mandou onda min que isto di o Señor: "Vou traer sobre este lugar e sobre os seus moradores unha desgraza: todas esas maldicións que están no libro que leu o rei de Xudá. [17]Visto que eles me abandonaron a min e queimaron incenso para outros deuses, provocándome coas obras das súas mans, a miña carraxe está ardendo contra este lugar, e non se apagará". [18]E ao rei de Xudá, que vos mandou consultar o Señor, dicídelle: Isto di o Señor, Deus de Israel: "Xa que, cando oíches ler o libro, [19]se che conmoveu o corazón e te humillaches diante do Señor, e xa que cando oíches o que eu dixen contra este lugar e contra os seus moradores, que se verían todos convertidos en espanto e en maldición, ti rachaches a roupa e choraches diante de min, por iso tamén eu te escoito a ti. Palabra do Señor. [20]Polo mesmo, cando eu te recolla con teus pais, levarante en paz ao teu sartego. Os teus ollos non terán que ver a desgraza que traerei contra este lugar".

Os enviados deron volta e informaron o rei.

### Reforma de Ioxías

**23** [1]O rei mandou entón que se reunisen con el os anciáns todos de Xudá e de Xerusalén. [2]Despois subiu ao templo do Señor, con todos os homes de Xudá e os veciños de Xerusalén, os sacerdotes, os profetas e o pobo todo, os pequenos e os grandes, e leu diante deles o Libro da Alianza atopado no templo do Señor. [3]De pé sobre o estrado, o rei concluíu logo a alianza diante do Señor, comprometéndose a seguir o Señor, a cumprir os seus mandatos, as súas normas e as súas leis, de todo corazón e con toda a alma, e a manter as cláusulas da alianza escritas neste libro. O pobo todo confirmou a alianza. [4]Despois mandou o rei o sumo sacerdote Hilquías, os sacerdotes de segunda orde e os gardas da entrada, que botasen fóra do santuario do Señor todos os trebellos dedicados ao culto de Baal, de Axtarté e de todo o exército do ceo. Fíxoos queimar fóra de Xerusalén, no agro do Cedrón, e fixo levar as súas cinsas a Betel. [5]O rei depuxo os sacerdotes que nomearan os reis de Xudá para ofrecer incenso nos altares dos outeiros, nas cidades de Xudá e nos arredores de Xerusalén; queimaban incenso a Baal, ao sol, á lúa, aos sinais do zodíaco e a todo o exército do ceo. [6]Fixo tirar do templo do Señor, para fóra de Xerusalén, a imaxe de Axtarté e queimouna

**22**, 8 Pénsase que o *Libro da Lei* era o Deuteronomio primitivo, o código de leis de Dt **12-16**, que logo en Xerusalén adquiriu o resto dos capítulos. Todo o tempo de Menaxés o libro estivo escondido.
**22**, 16-20 O oráculo da profetisa Hulda está traballado co anuncio da desgraza de Xerusalén. A Ioxías afórraselle, pola súa piedade, a dor de ver esa desgraza.
**23**, 1-3 Renovación da alianza, para lembrarse da propia identidade e empezar unha vida nova. Lese o Libro da Lei encontrado, recoñecido como norma de vida (a primeira Biblia); o pobo asimila o lido e comprométese co que di, para facerse pobo de Deus (coma en Xos **24**).
**23**, 4-20 A alianza esixe o renego da idolatría. Neste momento o narrador mete a reforma de Ioxías en Xerusalén, en todo Xudá e en Samaria. A reforma leva consigo a eliminación dos santuarios dos outeiros, a centralización do culto en Xerusalén e o abandono de certos costumes de natureza sincretista.

no val do Cedrón. Reduciuna a cinsa, que botou na fosa común. [7]Derrubou os cuartos dos consagrados á prostitución, que había no templo do Señor, onde as mulleres tecían panos para Axtarté. [8]Fixo vir a todos os sacerdotes das cidades de Xudá e profanou os altares dos outeiros, onde os sacerdotes ofrecían incenso, desde Gueba ata Beerxeba. Destruíu o altar dos sátiros, que había na porta de Xosué, gobernador da cidade, á man esquerda da entrada. [9]Os sacerdotes dos santuarios dos outeiros non podían subir ao altar do Señor en Xerusalén; pero comían dos pans ácimos igual ca os seus irmáns. [10]O rei profanou tamén Tófet, no val de Benhinnom, para que ninguén pasase alí polo lume o seu fillo ou a súa filla en honor de Moloc. [11]Fixo desaparecer os cabalos que os reis de Xudá dedicaran ao sol, á entrada do templo do Señor, onda a cámara do eunuco Natanmélec, nos anexos do templo, e queimou o carro do sol. [12]Derrubou tamén o rei os altares que ergueran os reis de Xudá, na azotea da cámara de Acaz, e os altares que puxera Menaxés nos dous adros do templo do Señor; esborrallounos e tirou o seu po no torrente Cedrón. [13]O rei profanou aínda os altares dos outeiros de enfronte de Xerusalén, ao sur do monte das Oliveiras, construídos por Salomón, rei de Israel, en honor de Axtarté, ídolo abominable dos sidonios, de Kemox, ídolo dos moabitas, e de Moloc, ídolo dos amonitas. [14]Rompeu as estelas, quebrou as imaxes de Axtarté e encheu de ósos humanos os seus lugares. [15]Destruíu, ademais, o altar de Betel e o altar que fixera Ieroboam, fillo de Nabat, co que fixera pecar a Israel. Destruíu o templo, o altar e mais o santuario; reduciuno a cinsa e queimou tamén a imaxe de Axtarté. [16]Ioxías volveu os ollos e viu os sartegos que se estendían polo monte; mandou coller os ósos que había neles e queimounos enriba do altar, para profanalo, conforme a palabra do Señor, proclamada polo home de Deus que anunciara estas cousas.

[17]Despois o rei preguntou: –Que monumento é ese que estou vendo?

A xente da cidade respondeulle: –É o sartego do home de Deus, que viñera de Xudá e anunciara as cousas que acabas de facer sobre o altar de Betel.

[18]E o rei mandou: –Deixádeo; que ninguén remova os seus ósos.

Dese xeito, os seus ósos conserváronse cos ósos do profeta que viñera de Samaria.

[19]Ioxías fixo desaparecer os santuarios todos dos outeiros das cidades de Samaria, construídos polos reis de Israel para anoxar o Señor, e fixo con eles o que fixera primeiro en Betel. [20]Sacrificou sobre os altares os sacerdotes dos outeiros que había alí; queimou ósos humanos enriba deles.

### A Pascua e o remate da reforma

Despois o rei regresou a Xerusalén, [21]e deulle ao pobo soamente esta orde:–Celebrade a Pascua, en honor do Señor, o voso Deus, conforme está escrito neste Libro da Alianza.

[22]Non se celebrara unha Pascua coma ela, desde os días en que os xuíces xulgaban Israel, nin tampouco no tempo dos reis de Israel e de Xudá. [23]Foi no ano dezaoito do reinado de Ioxías, cando se celebrou esa Pascua en honra do Señor, en Xerusalén.

[24]Ioxías acabou tamén cos nigromantes e os agoireiros, e igualmente cos ídolos, cos fetiches, e con todas as cousas abominables que se vían en Xudá e en Xerusalén, para cumprir as palabras da Lei, escritas no libro que achara o sacerdote Hilquías no templo do Señor. [25]Antes de Ioxías non houbera rei ningún, nin veu outro despois, que se convertese ao Señor coma el, de todo corazón, con toda a alma e con todas as forzas, en todo conforme coa Lei de Moisés. [26]Con todo e iso, o Señor non se aplacou do grande anoxo que

**23**, 8 Os sacerdotes dos santuarios van a Xerusalén, onde teoricamente teñen un posto no culto centralizado (v. 9; Dt **18**, 6-8). Os sátiros eran representacións en forma de castróns de divindades inimigas, que habitan en lugares desertos.

**23**, 10 *Tófet*, lugar de sacrificios humanos, na mesma Xerusalén (1 Re **16**, 3; Xer **7**, 31s).

**23**, 11s *Os cabalos* e *o carro do sol*, do culto astral dos asirios. Na azotea practicábase o culto segundo a maneira dos asirios (Xer **19**, 13).

**23**, 16-18 O historiador aplica a reforma de Ioxías aos pecados de Ieroboam e fai ver agora o cumprimento de vellas profecías (1 Re **13**, 2ss).

**23**, 19 A reforma esténdese a Samaria (xa falara antes de Betel: v. 15), o que fai supor que os asirios afrouxaran o seu control sobre o país e que Ioxías traballaba polo gran Israel.

**23**, 21-23 Dise que a celebración da Pascua de Ioxías foi a máis solemne da época monárquica, quizais porque se celebrou no templo central (e non en familia), coma na época da confederación (Dt **16**, 2. 5s).

**23**, 25 Ioxías sobresae, no xuízo do historiador, ao comparalo con Menaxés, que lle precedeu, e cos reis que seguiron.

**23**, 26-28 Os feitos tráxicos que sucederon despois del non deixaron que se arredase do seu reino a sombra do desterro, a mesma que vén cubrindo o ceo desde atrás (2 Re **20**, 17s; **21**, 10-15; **22**, 15-20).

collera contra Xudá, polo moito que o aldraxara Menaxés. [27]E por iso dixo o Señor: –Botarei a Xudá da miña presenza, como botei a Israel. Rexeitarei Xerusalén, a cidade que eu escollera, e o templo do que dixera que alí estaría o meu Nome.

[28]O resto da historia de Ioxías e todo o que fixo, non está escrito no Libro das Crónicas dos reis de Xudá?

### Morte de Ioxías

[29]No seu tempo subiu o faraón Nekó, rei de Exipto, cara ao Éufrates, para lle axudar ao rei de Asiria. O rei Ioxías saíulle ao paso, e Nekó matouno, no primeiro encontro, en Meguido. [30]Os seus servidores puxeron o cadáver no seu carro, en Meguido, e levárono a Xerusalén; e enterrárono no seu sartego. A xente do país colleu a Ioacaz, fillo de Ioxías, unxírono e proclamárono sucesor do seu pai.

### Ioacaz de Xudá

[31]Ioacaz tiña vinte e tres anos cando empezou a reinar. Reinou tres meses en Xerusalén. Súa nai chamábase Hamutal, filla de Xeremías, de Libnah. [32]Fixo o mal aos ollos do Señor, o mesmo que fixeran seus pais. [33]O faraón Nekó prendeuno en Riblah, territorio de Hamat, para que non reinase en Xerusalén, e impúxolle ao país un tributo de cen talentos de prata e un de ouro. [34]O faraón Nekó puxo por rei a Eliaquim, fillo de Ioxías, no lugar de Ioxías, seu pai. Cambioulle o nome por Ioaquim, e a Ioacaz levouno para Exipto, onde morreu.

### Ioaquim de Xudá

[35]Ioaquim pagoulle ao faraón o tributo de prata e de ouro. Pero, para poder darlle ao faraón o que pedira, tivo que imporlle ao pobo unha contribución. Cada un achegou o que lle foi taxado en prata e ouro, para pagarlle ao faraón. [36]Ioaquim tiña vinte e cinco anos cando empezou a reinar, e reinou once anos en Xerusalén. Súa nai chamábase Zebidah, filla de Pedaías, de Rumah. [37]Fixo o mal aos ollos do Señor, como fixeran os seus pais.

### Invasión de Nabucodonosor

**24** [1]Nos seus días subiu Nabucodonosor, rei de Babilonia, e Ioaquim quedou sometido por tres anos. Pero, ao cabo deles, rebelouse. [2]Entón mandou o Señor contra el bandas de caldeos e de arameos, de moabitas e de amonitas. Mandounas contra Xudá, para destruíla, conforme a palabra que dixera o Señor polos seus servos os profetas. [3]Iso aconteceulle a Xudá certamente por orde do Señor. Quería desbotala da súa presenza, polos pecados que cometera Menaxés, [4]e polo sangue inocente que vertera, ata encher del Xerusalén. Por iso o Señor non quixo perdoar.

[5]O resto da historia de Ioaquim e todos os seus feitos, non está todo escrito no Libro das Crónicas dos reis de Xudá? [6]Ioaquim adormeceu con seus pais, e sucedeuno no trono o seu fillo Ioaquín. [7]O rei de Exipto non volveu saír do seu país porque o rei de Babilonia apoderárase de todos os territorios que eran do rei de Exipto, desde o torrente de Exipto ata o Éufrates.

### Ioaquín de Xudá

[8]Ioaquín tiña dezaoito anos cando empezou a reinar. Reinou tres meses en Xerusalén. Súa nai chamábase Nehuxtá, filla de Elnatán, de Xerusalén. [9]Fixo o mal aos ollos do Señor, como fixeran seus pais.

### O primeiro desterro

[10]No seu tempo subiron os oficiais de Nabucodonosor, rei de Babilonia, contra Xerusalén e cercárona. [11]Mentres os seus oficiais mantiñan o cerco, veu á cidade Nabucodonosor, rei de Babilonia. [12]Entón Ioaquín, rei

**23**, 29s O faraón pretende asentar o seu antigo señorío en Canaán, e pasa por alí para ir discutilo cos dominadores do outro lado. O rei Ioxías non puido co exército exipcio.
**23**, 33s Nekó quedou polo momento dono de Canaán, quitando e pondo reis, cambiándolles o nome, cobrándolles tributo. Pero, aos poucos anos, Exipto tería que recoñecer ese dominio ao rei de Babilonia.
**23**, 35 *Ioaquim*: cf Introd. a Xer 2b).
**24** O final do reino de Xudá non vén pola man dos seus inimigos seculares, os asirios, senón pola dos babilonios, os novos donos do Oriente. O seu señorío quedou recoñecido na batalla de Kárkemix, gañada por Nabucodonosor no ano 605. Sobre Xudá fíxose sentir ese poder en tres sucesivas ocasións: primeiro en ataques de bandas dos pequenos pobos veciños, vasalos de Babilonia (v. 2); despois nunha primeira invasión do mesmo exército de Nabucodonosor, no ano 598 (vv. 10s); e por fin na gran invasión, coa destrución e o desterro, no 586 (2 Re **25**, 1ss).
**24**, 2-4 Interpretación de todo acontecemento como historia guiada por Deus.
**24**, 10ss Na primeira invasión (598), Nabucodonosor roubou os tesouros do templo e do pazo, desterrou a elite da poboación e con ela o rei Ioaquín, e puxo un novo rei co nome que el lle deu e baixo a autoridade de Babilonia.

de Xudá, rendeuse ao rei de Babilonia, xunto
con súa nai, os seus oficiais, os seus xenerais
e os seus servidores. O rei de Babilonia le-
vouno prisioneiro. Era o oitavo ano do seu
reinado.
13Nabucodonosor levou de alí tamén os
tesouros do templo do Señor e os do pala-
cio real, e destruíu os obxectos de ouro que
fixera para o templo Salomón, rei de Israel,
seguindo a orde do Señor. 14Nabucodonosor
desterrou todo Xerusalén, os xefes, a xente
toda de renome, dez mil desterrados: os fe-
rreiros e os cerralleiros; non quedou máis que
a xente pobre. 15Levou prisioneiro a Babilo-
nia a Ioaquín, á nai do rei, ás súas mulleres,
á súa servidume, aos grandes do país. Le-
vounos todos prisioneiros, de Xerusalén para
Babilonia.
16Tamén levou a xente de renome, sete
mil; os ferreiros e os cerralleiros, mil; os
homes de valor, que servían para a guerra.
Nabucodonosor levounos prisioneiros para
Babilonia. 17O rei de Babilonia puxo por rei,
no posto de Ioaquín, o seu tío Matanías, cam-
biándolle o nome polo de Sedecías.

### Sedecías en Xudá

18Sedecías tiña vinte e un anos cando em-
pezou a reinar. Reinou once anos en Xeru-
salén. Súa nai chamábase Hamutal, filla de
Xeremías, de Libnah. 19Sedecías fixo o mal
aos ollos do Señor, o mesmo ca Ioaquín. 20O
que lle aconteceu a Xerusalén e a Xudá, foi
pola ira do Señor, que acabou por botalos da
súa presenza. Sedecías rebelouse contra o rei
de Babilonia.

### A caída de Xudá e o desterro

**25** 1No ano noveno do reinado de Sedecías,
o día dez do décimo mes, chegou
Nabucodonosor, rei de Babilonia, con todo
o seu exército contra Xerusalén. Acampou
en fronte da cidade e construíu un muro de
cerco ao redor. 2A cidade estivo cercada ata
o ano once do reinado de Sedecías. 3O día
nove do cuarto mes, a fame apertaba moito
na cidade e a xente non tiña de que comer.
4Entón abriuse unha fenda no muro da cidade
e os soldados fuxiron de noite, pola porta que
está entre os dous muros, ao pé do xardín do
rei, e fóronse polo camiño da estepa, mentres
os caldeos cercaban a cidade. 5As forzas dos
caldeos perseguiron o rei e atrapárono nas
estepas de Iericó, mentres os seus soldados
se espallaban por todos os lados. 6Así que o
prenderon, leváronllo ao rei de Babilonia, a
Riblah, e alí sentenciárono. 7Aos fillos de Se-
decías esganáronos diante del, e a Sedecías
mesmo cegárono, puxéronlle cadeas de ferro
e levárono a Babilonia.
8O día sete do quinto mes, dentro do ano
dezaoito do reinado de Nabucodonosor en
Babilonia, chegou a Xerusalén Nebuzardán,
xefe da garda e servidor do rei de Babilonia,
9e púxolle lume ao templo do Señor e ao pa-
lacio real, e queimou igualmente os pazos
todos de Xerusalén e as casas grandes da ci-
dade. 10O exército caldeo, ás ordes do xefe da
garda, derrubou a muralla que rodeaba Xe-
rusalén. 11Nebuzardán, xefe da garda, deste-
rrou o resto da xente que quedara na cidade,
os que se pasaran xa ao rei de Babilonia e o
resto da multitude. 12Da xente pobre do país
deixou o xefe da garda uns poucos, para vi-
ñateiros e labregos.
13Os caldeos romperon as columnas de
bronce, as bases e o "mar" de bronce, que
había no templo do Señor, e levaron todo
para Babilonia. 14Colleron tamén os cinsei-
ros, as pas, os coitelos, as copas e todos os
obxectos de bronce que servían para o culto.
15O xefe da garda colleu tamén os braseiros
e os aspersorios, o ouro co ouro e a prata coa
prata. 16O peso do bronce das dúas columnas,
do "mar" de bronce, das bases e dos obxectos
todos que fixera Salomón para o templo do
Señor, non se podía avaliar. 17Unha columna
medía nove metros de altura, e enriba dela le-
vaba un capitel de bronce, de metro e medio
de alto e, por outra parte, os trenzados e as
milgrandas, arredor dos capiteis, era todo de
bronce. E o mesmo a outra columna.
18O xefe da garda prendeu o sumo sacerdo-
te Saraías, e tamén a Sefanías, segundo sacer-

**24**, 19s *Sedecías* é tamén coñecido polas súas relacións con Xeremías (cf 2 Cro **36**, 11ss; Xer **31**; 34; **37-39**).
**25** Empurrado polos patriotas e desoíndo o consello de Xeremías, o rei Sedecías rebelouse abertamente contra os babilonios. Entón veu o exército de Nabucodonosor e desta vez destruíu o templo e a cidade e desterrou para Babilonia a case quince mil persoas. Con iso chegou á súa fin o reino de Xudá, no ano 586. O rei Sedecías recibiu o castigo máis duro: tivo que presenciar a morte dos seus fillos, e despois foi privado da vista e levado en cadeas ao desterro. Non se soubo máis del.
**25**, 8-21 Descríbese a devastación que levou a cabo Nebuzardán, xefe da garda babilónica: incendio, roubo, desterro.

dote, e os tres gardas da entrada. [19]Da cidade levou tamén preso un oficial, que era xefe do exército, cinco homes do servizo persoal do rei, que se atopaban na cidade, o secretario do xefe do exército, que recrutaba os soldados entre o pobo, e sesenta persoas do pobo común, que se achaban tamén na cidade. [20]Nebuzardán, xefe da garda, prendeunos a todos e levounos a Riblah, diante do rei de Babilonia. [21]O rei de Babilonia mandounos matar en Riblah, no país de Hamat. Xudá foi, dese xeito, levado á catividade, lonxe da súa terra.

### Guedalías, gobernador de Xudá

[22]Guedalías, fillo de Ahicam, fillo de Xafán, foi nomeado gobernador da xente que quedara en Xudá, a que deixara alí Nabucodonosor, rei de Babilonia. [23]Cando os xefes do exército e os seus homes oíron que o rei de Babilonia fixera gobernador a Guedalías, foron a Mispah, onda el. Eran Ismael, fillo de Netanías, Iohanán, fillo de Caréah, Seraías, fillo de Tanhúmet, de Netofah, e Iazanías, fillo de Macah, todos eles cos seus homes. [24]Guedalías xuroulles, a eles e aos seus homes: –Non teñades medo de vos someter aos caldeos. Vivide no país e obedecede o rei de Babilonia. Iravos a todos ben.

[25]Mais sucedeu que, aos sete meses, chegou Ismael, fillo de Netanías, fillo de Elixamá, de sangue real, con dez homes, e feriu de morte a Guedalías, e tamén os xudeus e os caldeos que estaban en Mispah con el. [26]A xente toda, os grandes e os pequenos, cos xefes dos soldados, colleron e, por medo dos caldeos, fuxiron para Exipto.

### Graza para Ioaquín

[27]O ano trinta e sete do desterro de Ioaquín, rei de Xudá, o día vinte e sete do mes doce, Evil Merodac, rei de Babilonia, no primeiro ano do seu reinado, concedeulle graza a Ioaquín, rei de Xudá, e sacouno da cadea. [28]Faloulle benevolamente e puxo o seu trono por riba dos tronos dos outros reis, que estaban con el en Babilonia. [29]Mudoulle a roupa de preso e púxoo a comer á súa mesa, por todos os días da súa vida. [30]O sustento de cada día quedoulle asegurado polo rei para mentres vivise.

**25**, 22 Xudá quedou convertido en parte da provincia babilónica de Samaria. Os babilonios puxeron alí por gobernador a un nativo dos que recoñecían o feito da conquista babilónica e se sometían. O seu asasinato foi unha nova provocación do partido nacionalista.

**25**, 27-30 A graza concedida polo rei de Babilonia ao rei desterrado Ioaquín (ano 562) é un claro sinal de esperanza co que o autor do Libro dos Reis remata a súa obra. Con el parece querer dicir que a promesa de Deus a David segue en pé, e que por ela se poden agardar tempos mellores.

# INTRODUCIÓN AOS LIBROS DAS CRÓNICAS

*Cara ao remate do século IV ou comezos do III a. C., cando os xudeus vivían moi pendentes do clero e da Lei e os samaritanos pretendían representar o verdadeiro pobo de Deus, levouse a cabo a composición dunha síntese histórica que abrangue desde Adán ata Esdras e Nehemías. É a chamada "obra do Cronista", que na orixe abarcaba os libros das Crónicas xunto cos de Esdras e Nehemías.*

*O nome hebreo de* I e II de Crónicas *reflicte que trata de anais ou crónicas. O nome que empregan os LXX é o equivalente a "o que pasou por alto": o que lles faltaba aos libros de Samuel e dos Reis.*

## 1. Plan de I-II Crónicas

*A obra, despois da introdución, pódese dividir en catro partes, que ofrecen datos do tempo que vai desde Adán ata o edicto de Ciro (538 a. C.).*

1.1. *Introdución*

1.2. *Serie de xenealoxías que van desde Adán ata David, pasando polos patriarcas antediluvianos: Noé, Abraham, Xacob e as doce tribos de Israel, singularmente as de Leví e Benxamín.*

1.3. *Segue a Historia de David, presentado especialmente como depositario das promesas teocráticas e promotor das institucións litúrxicas. Refírese o que ten que ver coas loitas de David, coa consolidación da teocracia, a recuperación da Arca da Alianza, o intento de construción do templo e as últimas vontades do Rei Profeta.*

1.4. *Recóllese tamén a Historia de Salomón, seu sucesor, presentado fundamentalmente como executor das ordes de David en relación co templo. Alúdese á súa sabedoría, á construción do templo e á súa inauguración, e aos acontecementos importantes da súa vida en relación cos outros reinos.*

1.5. *No tocante aos sucesores de Salomón no trono de Xudá, despois de describir a división do reino (**10**, 1-**11**, 4), comeza a lista dos reis que suceden ao "rei sabio", desde Roboam ata Sedecías.*

*Os preferidos do Cronista son aqueles que tiveron estreita relación co culto e co templo: Ioxafat, Ezequías e Ioxías.*

## 2. Fontes

*Na composición da súa obra, o autor sérvese de numerosas fontes, tanto bíblicas como extrabíblicas.*

2.1. *Dos libros bíblicos, o máis empregado é a Xénese, pero tamén se teñen en conta os de Xosué, Samuel e Reis. No referente ás citas bíblicas, unha simple comparanza destas co texto que nos ofrece Crónicas mostra a grande liberdade coa que o cronista as emprega, esquecendo unhas veces, alongando outras, ou simplemente comentando as fontes das que se serve.*

2.2. *En canto ás fontes extrabíblicas, citadas explicitamente, podemos distinguir dous grupos. No primeiro lugar o chamado "Libro dos Reis de Israel e de Xudá", que outras veces aparece coma "Libro dos Reis de Xudá e Israel" e "Feitos dos Reis de Israel" ou "Midrax do libro dos Reis". Un segundo grupo de fontes extrabíblicas constitúeno diversas obras de carácter profético que van baixo o nome de Samuel, Natán, Gad... Tanto no primeiro caso coma no segundo, trataríase de obras moi achegadas aos libros inspirados que levan os mesmos nomes e que conteñen novas relacionadas coa monarquía de Xudá e Israel, así coma outras informacións que conveñen aos intereses históricos e teolóxicos do cronista.*

*Xunto a estas fontes escritas, debemos admitir que o autor se ten servido de fontes orais, que proveñen dos círculos xudeus e transmitidas directamente polos repatriados de Babilonia (cf 1 Cro **4**, 9-10. 38-43).*

## 3. Xénero literario

*O uso que fai das fontes esixe que nos preguntemos sobre o xénero literario de Crónicas.*

*Algúns estudosos falan dunha "historia relixiosa", semellante á desenvolta no serodio xudaísmo. Nela todo olla cara á edificación relixiosa. Sen embargo, mentres que o Cronista non dubida en variar o contido das fontes que non se adaptan ao que el pensa, o Deuteronomista respecta as fontes, espallándose con comentarios marxinais.*

*Esta constatación leva á meirande parte dos autores a colocar o libro das Crónicas dentro do xénero midráxico, que consisti-*

*ría, fundamentalmente, nun comentario da Escritura, actualizado na tradición. Deste xeito, o texto toma outro sentido, propio do novo contexto vital no que é situado.*

*Estes tropezos fan que nos atopemos perante unha obra de carácter histórico-teolóxico, que non é boa de catalogar con precisión. Sen negar a súa relación coa literatura deuteronomista, profética e midráxica, o autor conseguiu unha obra orixinal que reflicte a pastoral-catequese do xudaísmo uns anos antes de Xesucristo.*

**4. A historia ao servizo da teoloxía**

*Ao ler o libro de Crónicas, non podemos pensar que o autor quixo simplemente repetir ou completar aqueles que escribiran a historia da dinastía davídica antes ca el. Tampouco parece ser a finalidade principal da súa obra o loitar contra o cisma samaritano ou amparar os intereses dos levitas, menos aínda formular as esperanzas mesiánicas dos seus contemporáneos. A finalidade primeira, tal como se pode deducir da lectura da obra e do uso das fontes, como xa quedou dito, é, fundamentalmente, pastoral-catequética. Segundo esta finalidade, o autor quere comunicarlles aos seus connacionais contemporáneos a súa propia fe no Reino de Deus, concretada na comunidade que volveu do exilio.*

*De acordo con este obxectivo, o Cronista fai unha relectura da historia, ou, se se quere, unha lectura alternativa, para mostrar o ideal do verdadeiro Israel, do pobo santo que vive en comunidade e permanece fiel á observancia do culto e da Lei.*

*Esta relectura da historia faise a través dun traballo de redacción en tres momentos: omisións, engadidos e correccións.*

*Ante todo o Cronista omite datos que atopa nas súas fontes. Fronte ao deuteronomista, que tiña en conta os dous reinos e facía a historia sincrónica de ambos os dous, o Cronista silencia sistematicamente todo o relacionado directamente co reino do Norte, que será mencionado soamente cando teña referencia co reino de Xudá (2 Cro **25**, 17-24; **28**, 9). Por outra banda, non disimula a súa intención de esquecer todo aquilo que pode escurecer a figura dos reis de Xudá. Isto nótase especialmente na figura de David: o autor silencia as relacións de David con Xaúl (cf 1 Sam **16-31**), os sete anos e medio de reinado en Hebrón (cf 1 Sam **1-4**), o pecado con Batxeba e o crime contra Urías (cf 2 Sam **11-12**), o incesto de Amnón e a rebelión de Abxalom (cf 2 Sam **13-20**), así como as intrigas palacianas nas vésperas da súa morte, pola sucesión. Desbotando estas e outras sombras, o David do cronista é o prototipo do rei ideal.*

*Outras veces o Cronista engade. Tales engadidos poden ser debidos ás novas fontes empregadas polo autor, pero na maioría dos casos proveñen de reflexións persoais e da súa idea da historia. O máis notorio neste sentido, son os capítulos **23** ao **27** de 1 Cro, sobre a organización do persoal sagrado e do culto.*

*Finalmente o autor mostra unha afección particular polas correccións.*

*Con este traballo de redacción, o Cronista quere resaltar especialmente as figuras de David, Salomón, e a caste levítica; así como deixar ben sentada a doutrina da retribución. Deste xeito, os textos sagrados serven para apoiar as teses relixiosas do autor. Cando aqueles non o fan directamente, el non ten dúbida entón en esquecer, engadir ou corrixilos. Comportándose así, quen o fai convértese nun verdadeiro autor: escolle as fontes, elabóraas e adáptaas á súa propia orientación teolóxica; conseguindo unha obra orixinal, nova e distinta daquelas que lle serviron de fonte, e, incluso, da historia deuteronomista.*

*Por todo isto o autor, sen refugar as súas pretensións históricas, pon, con todo, a historia ao servizo da teoloxía. O Cronista ten un xeito moi seu de escribir a historia. Preocupado por actualizar unha mensaxe que vén do pasado, faino inversamente a como o faría a historiografía moderna: traspón o presente e o futuro no pasado. A súa "historia" mostra, logo, un intento do xudaísmo dos séculos IV-III por salvar a identidade do pobo de Deus e alentalo a vivir no espírito das reformas de Esdras e Nehemías.*

*Nesta pastoral-catequese hai uns temas centrais polos que o autor sente atracción especial e que determinan a composición da obra, ao tempo que forman o núcleo teolóxico de Crónicas.*

*a. David, figura central*

*Neste sentido, os nove primeiros capítulos de xenealoxías que nos ofrece o autor non son senón unha introdución á historia davídica, á que dedica 19 capítulos, despois de falarnos no capítulo **10** da morte de Xaúl, co que dá máis relevo á elección de David.*

*David é, para o noso autor, nun estado, o lugartenente de Deus na terra. El é, por*

*tanto, o rei ideal, cabeza dunha dinastía perpetua e bendita por Deus, o rei pío e modelo de orante, o rei que, segundo Moisés, organizará todo o relacionado co culto, o rei grazas a quen está asegurada a continuidade e a unión entre o presente e o pasado, o rei de conduta presentada como norma para os seus sucesores, que serán xulgados de acordo con esa medida. En definitiva, o personaxe que ocupa para o Cronista o lugar que no Pentateuco ocupaba Moisés. El é, para o autor, a concreción histórica de Moisés e da Lei.*

*b. Templo, culto e persoal sagrado*

*As referencias ao templo e ao culto son constantes ao longo de toda a obra, pero especialmente nos oito capítulos que o autor dedica á construción do templo, á ordenación do culto e do persoal sagrado (1 Cro **22-29**). O templo é, para o autor, o centro vital do pobo, xa que nel Deus se fai presente no medio dos homes.*

*É considerado polo Cronista como o eixo arredor do que xira toda a historia do pobo escolleito, comezando desde Adán, ata desembocar en Xudá-Leví. Toda a súa narración parece estar en función do templo. Non é cousa estraña, logo, que o tema ocupe unha quinta parte da obra.*

*O culto, pola súa parte, é o medio concreto polo que Deus se fai presente no seu pobo. Dentro do culto, o cronista mostra unha especial atracción polos sacrificios.*

*A oración ten tamén grande importancia na obra do cronista, xa que ela, especialmente a dos humildes e contritos de corazón (cf 2 Cro **12**, 7), xunto cos sacrificios, pon a persoa en comuñón con Deus.*

*O terceiro piar do culto é o canto. O gusto por el fai que Crónicas teña unha atmosfera musical, que non vimos en ningún outro libro.*

*No tocante ao persoal sagrado, os levitas ocupan un posto de moito relevo en Crónicas, como se deduce das numerosas listas que nos ofrecen. Non só desempeñan as funcións que lles encomendaran as tradicións sacerdotais e a deuteronomista, senón incluso traballos que no comezo estaban reservados aos sacerdotes. O seu celo ponse de manifesto, en contraposición coa neglixencia dos sacerdotes.*

*Ademais están os sacerdotes, mesmo se a simpatía por eles é menor que a mostrada cos levitas. A clase máis baixa dos funcionarios do templo eran os "netinim", é dicir, os oblatos, coa función de axudaren aos sacerdotes.*

*Cómpre sinalar tamén a relación do rei co culto. Ao igual que o seu papel na construción do templo foi decisivo, do mesmo xeito intervencións en favor do culto virán ser de grande importancia para o Cronista, ata o punto de nos ofrecer a imaxe de "reis sancristáns". O rei non só se ocupa das novas ordenacións cultuais, senón que tamén bendí e exerce o oficio do intercesor.*

*c. Xerusalén, cidade santa*

*Xunto con David e o templo, Xerusalén ten un lugar especial no matinar do Cronista, por ser a cidade do Señor. Deste xeito, Xerusalén cumpre un papel de moita importancia na reunificación de todo o pobo de Deus, pola que decote suspira o autor.*

*d. A idea da retribución*

*Ao longo de toda a súa obra, o Cronista establece unha conexión estrita entre piedade e prosperidade, entre impiedade e adversidade.*

*Xa o deuteronomista asentara a súa historia sobre a base da retribución, pero agora este autor lévaa a lindes insospeitados. Para el, o bo prospera, o malo é castigado. Non hai mal sen un pecado, e non hai falta sen castigo. É importante a este respecto, ler paralelamente os textos deuteronomistas e os do Cronista. A sacralización da historia, así como a lei da retribución, parecen ben claras no segundo (cf 1 Re **14**, 25 e 2 Cro **12**, 1; 1 Re **15**, 23 e 2 Cro **16**, 7; 1 Re **22**, 49 e 2 Cro **26**, 16; 2 Re **23**, 29 e 2 Cro **35**, 20-23).*

*e. Elección do pobo pola parte de Deus*

*Se ben é certo que o pobo de Deus se atopa estreitamente vinculado aos demais pobos (cf 1 Cro **1-9**), tamén é certo que o autor cre firmemente na elección e, polo tanto, na separación de Israel dos outros pobos. Neste sentido, Crónicas non deixa de sinalar a relación especial de Deus co seu pobo. A expresión "Deus dos pais" mostra a continuidade da nación israelita como pobo de Deus.*

*Deus trata con amor o seu pobo (2 Cro **2**, 11), xa que está ligado a el polo vínculo da Alianza. A súa primeira característica é a "hésed", é dicir, o amor misericordioso e fiel.*

*A apostasía do Norte fai que o verdadeiro Israel sobreviva soamente en Benxamín e Xudá, nación consagrada, pobo do Señor, verdadeira igrexa ("qahal") de Deus.*

*Partindo da elección, o Cronista ábrese a unha idea universal ao afirmar que desde Xerusalén Deus atraerá aos paisanos do Norte, así coma aos prosélitos. Deste xeito o Deus de Israel virá ser tamén Señor universal. Neste contexto débese salientar a importancia do oráculo de Natán e o seu alcance universal en relación con perspectivas precedentes.*

## 5. Influxo

*Aínda que os libros de Crónicas entraron tarde no Canon de libros sagrados, non se pode esquecer a súa importancia na configuración do xudaísmo postexílico: mesmo os fariseos e os sectarios de Qumrân asimilaron o ideal relixioso de Crónicas.*

*O N.T. non cita nunca directamente Crónicas, mais hai certos textos que, case con certeza, están baseados neles.*

*Pola súa banda, o ideal de comunidade santa que presenta Crónicas atopa o seu cumprimento na Igrexa, que, ademais de recoñecer a Xesús como Mesías, da caste de David, celebra no culto a renovación do pacto eterno. Ademais de todas estas influencias, máis ou menos directas no N.T. e na antiga Igrexa, Crónicas é actual para todo crente, xa que convida a ollar o pasado, non como unha fermosa lembranza, senón como unha predicación viva que chama á fe, á obediencia e a un culto verdadeiro.*

# LIBRO PRIMEIRO DAS CRÓNICAS

## De Adán a Abraham

**1** [1]Adán, Xet, Enox. [2]Quenán, Mahalalel, Iared, [3]Henoc, Metuxalén, Lamec, [4]Noé, Sem, Cam e Iafet.

[5]Fillos de Iafet: Gómer, Magog, Madai, Iaván, Tubal, Méxec e Tirás. [6]Fillos de Gómer: Axcanaz, Rigat e Togarmah. [7]Fillos de Iaván: Eliseo, Tárxix, Quitim e Dodanim.

[8]Fillos de Cam: Cux, Exipto, Put e Canaán. [9]Fillos de Cux: Sebá, Havilah, Sabtá, Ramá e Sabtecá. Fillos de Ramá: Sebá e Dedán. [10]Cux xerou a Nimrod, o primeiro soldado do mundo. [11]Exipto xerou os lidios, anamitas, lehabitas, naftuxitas, [12]patrusitas, casluhitas e cretenses, dos que proceden os filisteos. [13]Canaán xerou a Sidón, o seu primoxénito, e a [14]Het, e tamén os iebuseos, amorreos, guirgaxitas, [15]hivitas, arquitas, sinitas, [16]arvaditas, semaritas e xamatitas.

[17]Descendentes de Sem: Elam, Axur, Arfaxad, Lud e Aram. Descendentes de Aram: Us, Hul, Guéter e Méxec. [18]Arfaxad xerou a Xélah e este a Héber. [19]Héber xerou dous fillos: un chamábase Péleg, porque no seu tempo dividiuse a terra; e seu irmán chamábase Ioctán. [20]Ioctán xerou a Almodad, Xélef, Hasarmávet, Iérah, [21]Hadorán, Uzal, Diclah, [22]Ebal, Abimael, Xebá, [23]Ofir, Havilah e Iobab: todos descendentes de Ioctán. [24]Descendentes de Sem: Arfaxad, Xélah, [25]Héber, Péleg, Reú, [26]Serug, Nahor, Térah, [27]Abram, é dicir, Abraham.

## De Abraham a Israel

[28]Descendentes de Abraham: Isaac e Ismael; [29]os seus descendentes: Nebaiot, primoxénito de Ismael, Quedar, Adbel, Mibsam, [30]Mixmá, Dumah, Masá, Hadad, Temá, [31]Ietur, Nafix e Quedmah. Estes son os fillos de Ismael. [32]Queturah, concubina de Abraham, deu a luz a Zimrán, Iocxán, Medán, Medián, Ixbac e Xúah. Descendentes de Iocxán: Xebá e Dedán. [33]Fillos de Madián: Efah, Éfer, Henoc, Abidá e Eldáah. Todos descendentes de Queturah.

[34]Abraham xerou a Isaac. Fillos de Isaac: Esaú e Israel. [35]Fillos de Esaú: Elifaz, Reuel, Ieux, Ialam e Corah. [36]Fillos de Elifaz: Temán. Omar, Sefó, Gatam, Quenaz, Timná e Amalec. [37]Fillos de Reuel: Náhat, Zérah, Xamah e Mizah. [38]Fillos de Seir: Lotán, Xobal, Sibón, Anah, Dixón, Éser e Dixán. [39]Fillos de

**1**, 1-9 A redacción destes cc. parece ser obra do mesmo cronista. Neles vense claros dous aspectos esenciais da súa teoloxía: carácter central de David, rodeado dos sacerdotes, levitas e cantores; e carácter central da misión de Israel en relación cos demais pobos, misión que culmina na construción do templo. De aí dedúcese a importancia concedida ás tribos de Xudá, ás que pertencía David; a de Leví, por ser a sacerdotal; e a de Benxamín, por atoparse o templo no seu territorio. De todos xeitos non se deben excluír outras mans posteriores (cf **2**, 18-24. 34-41. 51-55). As xenealoxías son, sen dúbida, unha das afeccións primeiras do cronista. Unha grande parte da súa obra está dedicada a elas. Por que?

Nelas temos que fixarnos certamente, no interese por arquivar. Pode ter tamén un interese nobiliario de coñecer a árbore xenealóxica, para que os xudeus do posdesterro puidesen xustificar o dereito de viviren nun lugar determinado ou a pertenza a unha clase ben definida, especialmente a sacerdotal. De todos os xeitos, e sen negar estas intencións, podemos afirmar que o interese primeiro está no seu significado teolóxico. A través desas longas listas de nomes, o que intenta o Cronista é mostrar que os israelitas do século V son liñaxe de David, Abraham e Adán, que os seus devanceiros son uns personaxes cunha historia que ten de protagonista ao mesmo Deus.

As xenealoxías non son, logo, páxinas mortas, senón testemuño da fidelidade de Deus co seu pobo, fidelidade que perdura de xeración en xeración.

**1**, 1-4 Atopamos aquí, abreviada, a lista dos patriarcas antediluvianos que aparece en Xén **5**, 1-32. Exclúese da lista o nome de Caín, soamente porque non interesa ao noso autor.

**1**, 5-7 Aquí a lista tomouse de Xén **10**, 2-4. Entre os nomes sinalados, algúns indican pobos con xefes que son netos ou bisnetos de Noé.

**1**, 8-16 O cronista sérvese neste caso de Xén **10**, 6-20, que abrevia considerablemente, e de Xén **9**, 18-29, para incluír aos cananeos entre os descendentes de Cam. En realidade eran semitas. A mención de *Nimrod*, personaxe mesopotámico, fai pensar no exilio en Babilonia.

**1**, 17-23 A descendencia de Sem é case idéntica á que nos presenta Xén **10**, 22-29. *Héber* é epónimo dos hebreos. *Péleg* (v. 19): aquí o autor xoga co significado hebreo de "péleg" (=dividir).

**1**, 24-27 Estes vv. son un resumo de Xén **11**, 10-27 e constitúen unha repetición dos vv. 17-18. Abraham aparece aquí como a conclusión da xenealoxía comezada en Adán.

**1**, 28-31 O noso autor reproduce Xén **25**, 13-16. Isaac (v. 29), aínda que o máis novo, representa, así e todo, a liña lexítima de Abraham (Xén **21**, 12). O feito de que os descendentes de Ismael (v. 29) sexan nomeados antes ca os de Isaac, pode ser simplemente motivado polo afán de eliminalo canto antes.

**1**, 32-33 Estes vv. son unha abreviación de Xén **25**, 2-4.

**1**, 34 Contrariamente á lectura dos LXX, o T. M. presenta a Esaú antes que a Israel (Xacob).

**1**, 35-42 O Cronista utiliza literalmente Xén **36**, 10-28. *Seir*: nome dunha rexión montañosa en Edom.

Lotán: Horí e Homam; irmá de Lotán: Timná. [40]Fillos de Xobal: Alián, Manáhat, Ebal, Xefí e Onam. Fillos de Sibón: Aiá e Anah. [41]Fillos de Anah: Dixón. Fillos de Dixón: Hamrán, Exbán, Itrán e Querán. [42]Fillos de Éser: Bilhán, Zaván e Acán. Fillos de Dixán: Us e Arán.

[43]Reis que reinaron no país de Edom antes de que os israelitas tivesen rei: Bela, fillo de Beor; a súa cidade chamábase Dinhabah. [44]Morreu Bela e sucedeuno no trono Iobab, fillo de Zérah, oriúndo de Bosrah. [45]Morreu Iobab e sucedeuno no trono Huxam, oriúndo de Temán. [46]Morreu Huxam e sucedeuno no trono Hadad, fillo de Bedad, o que derrotou a Madián no campo de Moab; a súa cidade chamábase Avit. [47]Finou Hadad e sucedeuno no trono Samlah, oriúndo de Masrecah. [48]Finou Samlah e sucedeuno no trono Xaúl, oriúndo de Rehobot-ham-Náhar. [49]Finou Xaúl e sucedeuno no trono Baal Hanán, fillo de Acbor. [50]Finou Baal Hanán e sucedeuno no trono Hadar; a súa cidade chamábase Pau e a súa muller Mehetabel, filla de Matred, filla de Mezahab. [51]A morte de Hadad houbo xeques en Edom: Timná, Alvah, Ietet, [52]Oholibamah, Elah, Pinón, [53]Quenazí, Temán, Mibsar, [54]Magdiel e Iram. Ata aquí os xeques de Edom.

### Descendentes de Israel

**2** [1]Velaí os fillos de Israel: Rubén, Simeón, Leví, Xudá, Isacar, Zebulón, [2]Dan, Xosé, Benxamín, Naftalí, Gad e Axer.

[3]Fillos de Xudá: Er, Onán e Xelah; estes tres nacéronlle da filla de Xúa, a cananea. Er, primoxénito de Xudá, foi ruín aos ollos de Iavé, quen o fixo morrer. [4]Tamar, nora de Xudá, deulle dous fillos: Peres e Zérah. Por xunto os fillos de Xudá son cinco. [5]Fillos de Peres: Hesrón e Hamul. [6]Fillos de Zérah: Zimrí, Etán, Hemán, Calcol e Dara. Cinco en total. [7]Fillo de Carmí: Acar, que turbou a Israel cando foi infiel ao anatema. [8]Fillo de Etán: Azarías. [9]Fillos que lle naceron a Hesrón: Ierahmel, Ram e Quelubai.

[10]Ram xerou a Aminadab. Aminadab xerou a Nahxón, príncipe dos fillos de Xudá; [11]Nahxón xerou a Salmá; Salmá xerou a Boaz; [12]Boaz xerou a Obed; Obed xerou a Ixaí; [13]Ixaí xerou a Eliab, o seu primoxénito; a Abinadab, o segundo; a Ximá, o terceiro; [14]a Netanel, o cuarto; a Radai, o quinto; [15]a Osem, o sexto; e a David, o sétimo. [16]As súas irmás foron Seruiah e Abigail. Fillos de Seruiah: Abixai, Ioab e Asael: en total, tres. [17]Abigail pariu a Amasá, sendo seu pai Iéter, o ismaelita.

[18]Caleb, fillo de Hesrón, tivo fillos de Azubah e foron: Iéxer, Xobab e Ardón. [19]Cando morreu Azubah, Caleb tomou por muller a Efratah, que lle deu a Hur. [20]Hur xerou a Urí, e Urí xerou a Besalel.

[21]Logo, Hesrón coñeceu á filla de Maquir, pai de Galaad, cando tiña sesenta anos, da que naceu Segub. [22]Segub xerou a Iaír, que tivo vinte e tres cidades na terra de Galaad, [23]e arrebatou a Guexur e a Aram as vilas de Iaír, Quenat, e as cidades da súa dependencia: sesenta cidades. Todo isto pertencía a Maquir, pai de Galaad. [24]Despois da morte de Hesrón, Caleb uniuse a Efratah, muller de seu pai Hesrón, da que tivo Axhur, fundador de Tecoa.

[25]Os fillos de Ierahmel, o primoxénito de Hesrón, foron: Ram o primoxénito, e Bunah e Orén, seus irmáns. [26]Ierahmel tivo outra muller chamada Atarah, que foi nai de Onam.

**1**, 43 *Reis*: enténdese máis ben referido aos xefes locais autóctonos. A equivalencia máis próxima sería a figura do "xuíz".
**2** Este c. contén a lista dos fillos de Xacob (vv. 1-2), de Xudá (vv. 3-8), dos antepasados de David (vv. 9-17), de Caleb (vv. 18-24), de Ierahmel (vv. 25-40) e unha segunda lista de Caleb (vv. 42-55). As xenealoxías están aquí máis detalladas ca no c. anterior.
**2**, 1-2 É a lista abreviada de Xén **29-30**, que contén as doce tribos antes da división da de Xosé en Efraím e Menaxés.
**2**, 3-8 Estes vv. están tomados de Núm **26**, 19-21 (Xén **42**, 16) e de Xén **38**, 1-30. Nótase o feito en que Xudá é nomeada en primeiro lugar e a ela se dedica tamén o c. **4** . Todo por ser a tribo de David.
O v. 3 presenta o tema da retribución de Deus, que fai morrer os malvados. O pertencer ao pobo escollido non asegura a salvación. Deus é xusto.
**2**, 6 *Os fillos de Zérah* teñen unha importancia especial para o cronista, por ser os iniciadores do canto.
**2**, 7 Xos **7** amplía o relato.
**2**, 10-11 Estes vv. son idénticos a Rut **4**, 19-22.
**2**, 18 *Caleb* aparece en sete listas diversas. A súa importancia pode deberse ao feito de ser de Hebrón, cidade onde David é coroado rei.
**2**, 19 *Efratah* é outro nome de Belén, cidade de David.
**2**, 20 *Besalel* aparece en relación co tabernáculo (cf Éx **31**, 2-11; **36**, 1-2) preludio do templo de Xerusalén, de tanta importancia para o Cronista.
**2**, 24 *Tecoa*, patria do profeta Amós, localidade situada a poucos km ao S de Belén.
**2**, 25-33 Estes vv. desenvolven o v. 9.

[27]Os fillos de Ram, primoxénitos de Ierahmel, foron: Maas, Iamín e Équer. [28]Os fillos de Onam foron: Xamai e Iadá. Fillos de Xamai: Nadab e Abixur. [29]O nome da muller de Abixur era Abigail, da que tivo a Ahbán e Molid. [30]Fillos da Nadab: Séled e Apaim. Séled morreu sen fillos. [31]Fillos de Apaim: Ixí. Fillo de Ixí: Xexán. Fillo de Xexán: Ahlai. [32]Fillos de Iadá, irmán de Xamai: Iéter e Ionatán. Iéter morreu sen fillos. [33]Fillos de Ionatán: Pélet e Zazá. Estes son os fillos de Ierahmel.

[34]Xexán non tivo fillos, pero si fillas. Xexán tiña un escravo exipcio chamado Iarhá, [35]ao que lle deu a súa filla por muller e de quen naceu Atai. [36]Atai xerou a Natán, e Natán xerou a Zabad; [37]Zabad xerou a Eflal; Eflal xerou a Obed; [38]Obed xerou a Iehú; Iehú xerou a Azarías; [39]Azarías xerou a Hales; Hales xerou a Elasah. [40]Elasah xerou a Sismai; Sismai xerou a Xalum; [41]Xalum xerou a Iecamías; Iecamías xerou a Elixamá.

[42]Fillos de Caleb, irmán de Ierahmel: Mesá, o seu primoxénito, que foi pai de Zif e Marexah, pai de Hebrón. [43]Fillos de Hebrón: Córah, Tapúah, Réquem e Xama. [44]Xama xerou a Ráham, pai de Iorqueam; Réquem xerou a Xamai. [45]Fillo de Xamai: Maón, fundador de Bet-Sur. [46]Efah, concubina de Caleb, tivo a Harán, Mosá e Gazez. Harán xerou a Gazez. [47]Fillos de Iahdai: Réquem, Iotam, Guexam, Pélet, Efah e Xáaf.

[48]Macah, concubina de Caleb, tivo a Xéber e Tirhanah.[49]Tamén pariu a Xáaf, fundador de Madmanah, e a Xevá, fundador de Macbenah e de Guibá. Filla de Caleb foi Acsah.

[50]Estes foron os fillos de Caleb, fillo de Hur, primoxénito de Efratah: Xobal, fundador de Quiriat-Iearim; [51]Salmá, fundador de Belén; Háref, fundador de Bet-Gader. [52]Xobal, fundador de Quiriat-Iearim, foi pai de Haroeh, de xeito que tivo a metade dos menuhitas.

[53]As familias de Quiriat-Iearim foron os futieos, os xumateos, e os miraítas. Destas familias saíron os saratitas e os extaolitas. [54]Fillos de Salmá: Belén e os netofateos; Atarot, Bet-Ioab, a metade dos manahteos e os soritas. [55]Familias de escribas que viven en Iabés: os tirateos, os ximateos e os sucateos. Estes eran os quenitas, descendentes de Hamat, pai dos recabitas.

### Descendentes de David

**3** [1]Velaí os fillos de David que lle naceron en Hebrón: Amnón, o primoxénito, de Ahinoam, de Iezrael; o segundo, Daniel, de Abigail, de Carmel; [2]o terceiro Abxalom, de Macah, filla de Talmai, rei de Guexur; o cuarto Adonías, fillo de Haguit; [3]o quinto Xefatías, de Abital; o sexto Itream de Eglah, a súa muller. [4]Estes seis nacéronlle en Hebrón. Reinou alí sete anos e seis meses, e en Xerusalén trinta e tres anos. [5]Velaí os que naceron en Xerusalén: Ximá, Xobab, Natán e Salomón, os catro de Batxeba, filla de Amiel; [6]aínda tivo outros nove: Ibhar, Elixamá, Elifélet, [7]Nogah, Nefeg, Iafía, [8]Elixamá, Eliadá e Elifélet. [9]Todos estes foron fillos de David; máis os fillos das concubinas. Tamar foi irmá de todos eles.

[10]Descendentes de Salomón: Roboam, Abías, Asá, Ioxafat, [11]Ioram, Ocozías, [12]Amasías, Azarías, Iotam, [13]Ahaz, Ezequías, Menaxés, [14]Amón, Ioxías. [15]Fillos de Ioxías: o primoxénito, Iohanán; o segundo, Ioaquim; o terceiro, Sedecías; o cuarto, Xalum. [16]Fillos de Ioaquim: Ieconías e Sedecías.

[17]Fillos de Ieconías: Asir, que foi pai de Xealtiel, [18]Malquiram, Pedaías, Xenasar, Iecamías, Hosamá, Nedabías. [19]Fillos de Pedaías: Zerubabel e Ximí. Fillos de Zerubabel: Mexulam, Ananías e Xelomit, irmá deles. [20]Fillos de Mexulam: Haxubah, Ohel, Berequías, Hasadías, e Iuxab-Hésed: cinco en total. [21]Fillos de Ananías: Pelatías e Isaías, seu fillo; Refaías, seu fillo; Arnán, seu fillo; Abdías, seu fillo; Secanías, seu fillo. [22]Fillos de Secanías: Semaías, Xatús, Igal, Bariah, Nearías e Safot. En total seis. [23]Fillos de Nearías: Elioenai, Ezequías e Azricam, tres en total. [24]Fillos de Elioenai: Xodavías, Eliosib, Felaías, Akub, Xoxanán; Dalaías e Ananís, sete en total.

**2**, 54 *Netofateos*, habitantes de Netofah, localidade a 6 km de Belén (cf **9**, 16).

**3** Este c. mostra a liñaxe de David, os fillos que lle naceron en Hebrón e os que lle naceron en Xerusalén (vv. 1-9). Ademais, tamén son presentados os nomes dos reis de Xudá, desde Salomón ata Sedecías (vv. 10-16). No remate é presentada a liña real postexílica.

Considérase este c. como unha adición posterior que, así e todo, vai amodo co espírito do Cronista. O protagonista é, sen dúbida, David. Os vv. 17-24 teñen importancia para a datación da derradeira redacción do libro.

**3**, 1-4 Aquí o autor depende 2 Sam **3**, 2-5.

**3**, 5-8 Tomado de 2 Sam **5**, 13-16. Este mesmo elenco atópase en 1 Cro **14**, 4-7.

**3**, 10-16 A lista dos reis de Xudá depende do Libro dos Reis. É omitida Atalía por ser estraña e asoballante. Azarías (v. 12) aparece en 2 Cro co nome de Ozías. Sorprende no v. 15 a presenza de Iohanán, pois nunca foi rei (cf 2 Re **33**). Algúns autores coidan que se trata dunha corrupción do nome de Ioacaz.

**3**, 17-24 A liñaxe de Ieconías presenta serias dificultades se a comparamos coa que se mostra nos libros de Axeo, Esdras e Nehemías. Unha vez máis, o Cronista manexa as fontes con liberdade.

### Descendentes de Xudá

**4** [1]Fillos de Xudá: Peres, Hesrón, Carmí, Hur e Xobal. [2]Reaías, fillo de Xobal, xerou a Iahat; Iahat xerou a Ahumai e a Láhad. Estas foron as familias dos sorahitas. [3]Velaí os descendentes de Etam: Iezrael, Ixmá e Idbax. O nome de súa irmá era Haslefoní; [4]Penuel, que fundou Guedor e Ézer, que fundou Huxah. Estes son os fillos de Hur: Efratah, o primoxénito, que fundou Belén; [5]Axhur, que fundou Tecoa e tivo dúas mulleres: Helah e Narah. [6]Narah pariulle a Ahuzam, Héfer, Temní e Ahaxtarí. Estes foron os fillos de Narah.

[7]Fillos de Helah: Séret, Iosohar e Etnán. [8]Cos xerou a Anub e a Sobebah e ás familias de Aharhel, fillo de Harum. [9]Iabés, foi o máis ilustre dos irmáns. Súa nai deulle o nome de Iabés dicindo: "Porque o parín con dor". [10]Iabés invocou ao Deus de Israel, dicindo: "Bendime, estende o meu territorio e que a túa man sexa comigo. Gárdame de todo mal, de xeito que eu non padeza". E Deus deulle o que lle pedía.

[11]Quelub, irmán de Xuhah, xerou a Mehir, que foi pai de Extón. [12]Extón xerou a Bet-Rafá, a Paséah e a Tehinah, fundador de Nahax. Estes foron os homes de Recah. [13]Fillos de Quenaz: Otoniel e Seraías. Fillos de Otoniel: Hatat e Meonotai. [14]Meonatai xerou a Ofrah, e Seraías xerou a Xoab, fundador de Gue-Haraxim, pois eran artesáns.

[15]Fillos de Caleb, o fillo de Iefuneh: Iru, Elah, Náam; e o fillo de Elá: Quenaz. [16]Fillos de Iehalelel: Zif, Zifah, Tiriá e Asarel. [17]Fillos de Esdras: Iéter, Méred, Éfer e Ialón. Iéter xerou a Miriam, Xamai e Ixbah, fundador de Extemoa. [18]A súa muller, xudía ela, pariu a Iéred, fundador de Guedor; a Héber, fundador de Socó; e a Iecutiel, fundador de Zanóah. Estes son os fillos de Bitiah, filla de Faraón, que Méred tomou por muller. [19]Os fillos da muller de Odías, irmá de Náham, foron: o pai de Queilah, o garmita, e Extemoa, o macateo.

[20]Fillos de Ximón: Ammón, Rinah, Ben-Hanán e Tilón. Fillos de Ixí: Zohet e Ben-Zohet.

[21]Fillos de Xelah, fillo de Xudá: Er, fundador de Lecah; Ladah, fundador de Marexah e as familias da casa onde se traballa o liño, en Bet-Axbea; [22]Ioquim e os homes de Cozebá; Ioax e Saraf, que dominaron en Moab, antes de volver a Belén. (Estas son cousas antigas).

[23]Estes eran oleiros e habitaban en Netaím e Guederá, cerca do rei, e traballaban para el.

### Descendentes de Simeón

[24]Fillos de Simeón: Nemuel, Iamín, Iarib, Zérah e Xaúl. Fillos de Xaúl: [25]Xalum, Mibsam, seu fillo, e Mixmá, fillo deste. [26]Fillos de Mixmá: Hamuel, seu fillo, do que naceu Zacur, que tivo a Ximí. [27]Ximí tivo dezaseis fillos e seis fillas. Seus irmáns non tiveron tantos fillos, e as súas familias non se multiplicaron tanto coma as dos fillos de Xudá. [28]Habitaban en Beerxeba, Moladah, e Hasar-Xual, [29]en Bilhah, en Esem, en Tolad, [30]en Betuel, en Hormah, en Siquelag, [31]en Bet-Marcabot, en Hasar-Susim, Bet-Birí e en Xaraim. Estas foron as súas cidades ata o reino de David; [32]e as súas aldeas eran Etam, Aim, Rimón, Toquen e Axán: cinco aldeas en total [33]e todas as vilas no arredor destas cidades ata Baal. Estas son as súas moradas e as súas xenealoxías.

[34]Mesobat, Iamlec, Ioxah, fillo de Amasías; [35]Ioel, Iehú, fillo de Ioxibías, fillo de Seraías, fillo de Asiel. [36]Elioenai, Iacobah, Iexohaías, Asaías, Adiel, Iesimiel, Benaías, [37]Zizá, fillo de Xifí, fillo de Alón, fillo de Iedaías, fillo de Ximrí, fillo de Xemaías. [38]Estes, polos seus nomes eran príncipes nas súas familias, e as súas casas paternas fixéronse grandes. [39]Foron da parte de Guedor ata o oriente do val, procurando pasto para o seu gando. [40]Atoparon herba, bo pasto e unha rexión abondosa, tranquila e apracible. Os que antes habitaran esa rexión descendían de Cam. [41]Estes, descritos polos seus nomes, viñeron en tempos de Ezequías, rei de Xudá, atacaron as súas tendas e os mineos que atoparon alí destruíronos ata hoxe, habitando no sitio deles, por haber alí pasto para o seu gando.

[42]Tamén cincocentos dos deles, dos fillos de Simeón, foron ao monte de Seir levando por xefes a Pelatías, Nearías, Refaías e Uziel, fillos de Ixí; [43]e derrotaron ao resto que quedara de Amalec, e habitaron alí ata hoxe.

**4** Este c. é un suplemento xenealóxico das grandes familias davídicas.
**4**, 1-2 Estes vv. pódense considerar un engadido a **2**, 52-53 para explicar a orixe dos sorahitas.
**4**, 3-4 Corresponde a **2**, 51b.
**4**, 9-10 Comentario teolóxico a **2**, 55. No v. 9 atopamos, en hebreo, unha aliteración entre "Iabés" e "ioseb", dor. O nome designa o destino da persoa. O v. 10 pon de manifesto a valía da oración.
**4**, 15-23 Escolma de varios fragmentos xenealóxicos engadidos a **2**, 55; o nexo lóxico non é bo de atopar.
**4**, 24-27 Depende de Núm **26**, 28-32.
**4**, 28-33 Depende de Xos **19**, 2-8.

### Descendentes de Rubén

**5** [1]Fillos de Rubén, primoxénito de Israel.
Era o primoxénito, pero por manchar o
leito de seu pai, o dereito de primoxenitura
foilles dado aos fillos de Xosé, fillo de Is-
rael, e non foi rexistrado como primoxénito.
[2]Xudá foi abofé poderoso entre seus irmáns
e o príncipe deles, pero o dereito de pri-
moxenitura foi de Xosé. [3]Fillos de Rubén,
primoxénito de Israel: Henoc, Falú, Hesrón
e Carmí.

[4]Fillos de Ioel: Xemaías, seu fillo; Gog,
seu fillo; Ximí, seu fillo; [5]Miqueas, seu fillo;
Reaías, seu fillo; Báal, seu fillo, [6]e Beerah, fi-
llo seu, levado a Asiria por Teglatpeléser, rei
de Asiria. Era príncipe dos rubenitas.

[7]Seus irmáns, segundo as súas familias,
tal como foron rexistrados nas xenealoxías,
foron: o primeiro, Ieiel, Zacarías, [8]Bela, fi-
llo de Azaz, fillo de Xemá, fillo de Ioel, que
habitou en Aroer ata Nebó e Baal-Meón, [9]e
ao oriente, ata a entrada do deserto, desde o
río Éufrates, pois tiña moito gando na terra
de Galaad.

[10]En tempos de Xaúl fixéronlles a guerra
aos agarenos, que caeron no seu poder, e ha-
bitaron nas súas tendas en todo o oriente de
Galaad.

### Descendentes de Gad

[11]En fronte deles habitaban os fillos de
Gad, na terra de Baxán ata Salcah. [12]Ioel foi
o primeiro; Xafam, o segundo; logo Ianai e
Xafat, no Baxán. [13]Seus irmáns, segundo as
casas de seus pais, eran: Micael, Mexulam,
Xeba, Iorai, Iacán, Zía e Héber, que fan sete.
[14]Velaí os fillos de Abihail, fillo de Hurí, fi-
llo de Iaróah, fillo de Galaad, fillo de Micael,
fillo de Iexixai, fillo de Iahdó, fillo de Buz;
[15]Ahí, fillo de Abdiel, fillo de Guní, era o xefe
das casas de seus pais. [16]Habitaban en Ga-
laad, no Baxán, nas cidades da súa dependen-
cia, e nos eidos de Xarón ata os seus límites.
[17]Foron rexistrados todos nas xenealoxías en
tempos de Iotam, rei de Xudá e de Ieroboam,
rei de Israel.

[18]Os fillos de Rubén, os de Gad e de me-
dia tribo de Menaxés, en número de coren-
ta e catro mil setecentos sesenta, eran bos
para a guerra: valorosos, levaban escudo e
espada, tensaban o arco e eran entendidos
na arte da guerra. [19]Fixéronlles a guerra aos
agarenos, aos itureos, a Nafix e a Nodab.
[20]Foron axudados contra eles, e os agare-
nos e cantos estaban con eles caeron nas
súas poutas, pois durante a loita chamaron
a Deus que os escoitou, por confiaren nel.
[21]Colleron o seu gando: cincuenta mil ca-
melos, duascentas cincuenta mil ovellas,
dous mil asnos, e levaron presas a cen mil
persoas, [22]e houbo moitos mortos, pois o
combate viña de Deus. Establecéronse no
seu lugar ata o tempo en que foron levados
á catividade.

### Descendentes da media tribo de Menaxés

[23]Media tribo de Menaxés habitaba a
rexión desde o Baxán ata Baal-Hermón, Se-
nir e a montaña de Hermón. Eran numerosos.
[24]Velaí os xefes das casas de seus pais: Éfer,
Ixí, Eliel, Azriel, Xeremías, Hodavías, Iah-
diel, homes valorosos, xente de fama, xefes
das casas de seus pais. [25]Pero pecaron con-
tra o Deus de seus pais e prostituíronse tras
os deuses das xentes da terra que Deus des-
truíra diante deles. [26]Entón o Deus de Israel
encirrou contra eles o espírito de Pul, rei de
Asiria (é dicir, o espírito de Teglatpeléser, rei
de Asiria), quen levou presos os rubenitas,
gaditas e a media tribo de Menaxés, condu-
cíndoos a Halah, Habor, Hará e ao río Gozán,
onde habitaron ata hoxe.

**5** O c. **5** preséntanos a liñaxe das tribos transxordánicas de Rubén (**1-10**), Gad (**11-22**) e de media tribo de Menaxés (**23-26**). No pensamento do autor estas tribos non gozan de grande importancia. Son nomeadas soamente porque os seus descendentes son fillos de Xacob e serven para poñer de relevo o papel de Xudá como centro das institucións civís e relixiosas.

**5**, 1-3 Refírese a Xén **35**, 22 e **49**, 3-4. A tribo de Xudá ten preferencias sobre a de Xosé. Talvez isto se deba a unha polémica antisamaritana.

**5**, 6 Trátase da deportación do 732 (cf 2 Re **15**, 29).

**5**, 8 *Aroer, Nebó e Baal-Meón*: cidades que son citadas tamén na estela de Mesa (s. IX a. C.) e que, segundo Xén **13**, 16, pertencen á tribo de Rubén.

**5**, 10 *Agarenos*: tribos nómades do deserto arábigo (cf Xén **16**, 21).

**5**, 11-22 As listas da tribo de Gad que nos ofrece o cronista, non concordan coas que nos ofrecen Xén **46**, 16 e Núm **26**, 15-18. A mención de Iotán ten como finalidade o inserir a tribo de Gad no contexto da liñaxe davídica. A cifra que nos dá o v. 18 é simbólica e demostra unha clara tendencia do cronista á esaxeración (cf v. 21). É importante notarmos que no v. 22 a loita é descrita como unha loita santa e, polo tanto, a vitoria é do Señor.

**5**, 23-26 Tampouco aquí os datos concordan plenamente coa lista ofrecida por Xos **13**, 29-31. Sobre esta tribo atopamos datos máis detallados en **7**, 14-19. A importancia destes vv. ten o seu raigaño especialmente na teoloxía do pecado-castigo da idolatría, baixo a imaxe da prostitución (cf Éx **34**, 15-16).

### Descendentes de Leví

[27]Fillos de Leví: Guerxom, Quehat, Merarí. [28]Fillos de Quehat: Amram, Ishar, Hebrón e Uziel. [29]Fillos de Amram: Aharón, Moisés e María. Fillos de Aharón: Nadab, Abihú, Elazar e Itamar. [30]Elazar xerou a Pinhás; Pinhás xerou a Abixúa; [31]Abixúa xerou a Buquí; Buquí xerou a Uzí; [32]Uzí xerou a Zerahías; Zerahías xerou a Meraiot; [33]Meraiot xerou a Amarías; Amarías xerou a Ahitub; [34]Ahitub xerou a Sadoc; Sadoc xerou a Ahimaas; [35]Ahimaas xerou a Azarías; Azarías xerou a Iohanán; [36]Iohanán xerou a Azarías, que exerceu o sacerdocio no templo que Salomón edificou en Xerusalén; [37]Azarías xerou a Amarías; Amarías xerou a Ahitub; [38]Ahitub xerou a Sadoc; Sadoc xerou a Xalum; [39]Xalum xerou a Hilquías; Hilquías xerou a Azarías; [40]Azarías xerou a Seraías; Seraías xerou a Iosadac; [41]Iosadac foi á catividade cando o Señor desterrou a Xudá e a Xerusalén por medio de Nabucodonosor.

**6** [1]Fillos de Leví: Guerxom, Quehat e Merarí. [2]Fillos de Guerxom: Libní e Ximí. [3]Fillos de Quehat: Amram, Ishar, Hebrón e Uziel. [4]Fillos de Merarí: Mahlí e Muxí. Estas son as familias de Leví. [5]Descendentes de Guerxom: Libní, Iáhat, Zimah; [6]Ioah, Idó, Zérah e Ieatrai. [7]Descendentes de Quehat: Aminadab, Córah, Asir, [8]Elcanah, Abiasaf, Asir, [9]Táhat, Uriel, Uzías e Xaúl. [10]Fillos de Elcanah: Amasai e Ahimot, [11]pai de Elcanah, pai de Sofai, pai de Náhat, [12]pai de Eliab, pai de Ieroham, pai de Elcanah. [13]Fillos de Samuel: Ioel, o primoxénito, e Abías, o segundo. [14]Fillos de Merarí: Mahlí, Libní, Ximí, Uzá, [15]Ximá, Haguías e Asaías.

[16]Mestres do coro, nomeados por David para o servizo do canto no templo de Iavé, cando a Arca tivo alí o seu lugar de acougo. [17]O seu oficio consistía en cantar diante do tabernáculo, na Tenda do Encontro, ata que Salomón edificou o templo de Iavé en Xerusalén. Máis tarde realizaron nel as súas funcións coma de costume. [18]Velaí os que oficiaban, con seus fillos: dos fillos de Quehat: Hemán, como cantor, fillo de Ioel, fillo de Samuel, [19]fillo de Elcanah, fillo de Ieroham, fillo de Eliel, fillo de Toah, [20]fillo de Suf, fillo de Elcanah, fillo Amasai, [21]fillo de Elcanah, fillo de Ioel, fillo de Azarías, fillo de Sofonías, [22]fillo de Táhat, fillo de Asir, fillo de Abiasaf, fillo de Córah, [23]fillo de Ishar, fillo de Quehat, fillo de Leví, fillo de Israel.

[24]Seu irmán Asaf estaba á súa dereita; Asaf, fillo de Berequías, fillo de Ximá, [25]fillo de Micael, fillo de Baseías, fillo de Malaquías, [26]fillo de Etní, fillo de Zérah, fillo de Adaías, [27]fillo de Etán, fillo de Zimah, fillo de Ximí, [28]fillo de Iáhat, fillo de Guerxom, fillo de Leví.

[29]Á súa esquerda estaban seus irmáns, os fillos de Merarí: Etán, fillo de Quixí, fillo de Abdí, fillo de Maluc, [30]fillo de Haxabías, fillo de Amasías, fillo de Hilquías, [31]fillo de Amasí, fillo de Baní, fillo de Xémer, [32]fillo de Mahlí, fillo de Muxí, fillo de Merarí, fillo de Leví.

[33]Seus irmáns, os levitas, tiñan ao seu cargo todo o servizo do tabernáculo do templo. [34]Aharón e os seus fillos eran os que ofrecían os sacrificios no altar dos holocaustos e queimaban incenso no altar dos perfumes, cumprindo estes servizos no Santo dos Santos e facendo a expiación por Israel conforme todo o que mandara Moisés, servo de Iavé. [35]Velaí os fillos de Aharón: Elazar, Pinhás, Abixúa, [36]Buquí, Uzí, Zerahías, [37]Meraiot, Amarías, Ahitub, [38]Sadoc, Ahimaas.

### Cidades levíticas

[39]Estas son as súas residencias segundo os límites dos seus campamentos. Aos fillos de Aharón, da familia de Quehat, sinalados pola sorte, [40]déuselles Hebrón, na terra de Xudá, cos eixidos dos arredores; [41]pero o territorio da cidade e as súas aldeas foron dados a Caleb, fillo de Iefuneh. [42]Déronlles, pois, aos fillos de Aharón a cidade de Hebrón como cidade refuxio, Libnah coas súas contornas, Iatir e Extemóah, tamén coas súas contornas; [43]Hilez cos seus eidos e Debir cos seus eidos; [44]Axán cos seus eidos, Bet-Xémex cos seus eidos; [45]da tribo de Benxamín déronlles: Gueba cos seus eidos; Alémet cos seus eidos e Anatot cos seus eidos. As súas cidades foron trece en total, segundo as súas familias.

**5**, 27-41 O Cronista ocúpase da lista dos sumos sacerdotes ata o desterro. De novo o autor demostra o seu agarimo polo simbolismo numérico, neste caso o 12 (símbolo da totalidade) e unha grande liberdade fronte aos datos recibidos (cf 2 Re **16** e Esd **7**, 1-5).

**6**, 1-15 Segue a lista dos levitas tomada de Núm **3**, 17-20. O estraño desta lista é atoparmos a Samuel como levita (cf 1 Sam **1**, 1). Talvez o autor o deduza do feito de ter servido no templo de Xiloh. Unha vez máis parece claro o engado do Cronista polo culto.

**6**, 16-32 Faise o elenco dos cantores pola súa importancia no culto do templo. Se ben nun primeiro momento non pertencían á tribo de Leví (cf Esd **2**, 41), máis tarde serían engadidos a dita tribo (cf Neh **11**, 17). O importante aquí é demostrar que o seu oficio vén directamente de David.

**6**, 39-66 Aquí o Cronista depende de Xos **21**. As cidades asilo ás que fai referencia nestes vv. son consideradas como unha continuación do santuario.

46Aos outros fillos de Quehat tocáronlles
en sorte dez cidades da tribo de Efraím, da
tribo de Dan e da media tribo de Menaxés.
47Os fillos de Guerxom, segundo as súas fa-
milias, tiveron trece cidades da tribo de Isa-
car, da tribo de Axer, da tribo de Naftalí e
da tribo de Menaxés en Baxán. 48Os fillos de
Merarí, segundo as súas familias, tiveron por
sorte doce cidades da tribo de Rubén, da tribo
de Gad e da tribo de Zebulón. 49Os fillos de
Israel déronlles aos levitas estas cidades coas
súas contornas. 50Déronllelas ás sortes, da tri-
bo de Xudá, da tribo de Simeón e da tribo dos
fillos de Benxamín, ás que lles puxeron os
seus propios nomes.

51Ás familias de Quehat tocáronlles en
sorte cidades na tribo de Efraím. 52Déronlles,
con dereito de asilo, as cidades de Xequem,
no monte de Efraím e as súas contornas; a
de Guézer coas súas contornas; 53a de Ioc-
meam coas súas contornas; a de Bethorón,
coas súas contornas; 54a de Aialón coas súas
contornas; e a de Gat-Rimón coas súas con-
tornas. 55Na media tribo de Menaxés, Aner,
coas súas contornas; e Bilam, coas súas con-
tornas, foron para aqueles que quedaban das
familias de Quehat.

56Ás familias de Guerxom tocáronlles en
sorte: da media tribo de Menaxés, Golán de
Baxán, coas súas contornas; e Axtarot coas
súas contornas. 57Da tribo de Isacar, Axperón
coas súas contornas; Daberat coas súas con-
tornas; 58Ramot coas súas contornas; e Anem
coas seus contornas. 59Da tribo de Axer, Ma-
xal, coas súas contornas; Abdón coas súas
contornas; 60Hucoq coas súas contornas;
e Rehob coas súas contornas. 61Da tribo de
Naftalí, Cadex de Galilea coas súas contor-
nas; Hamón coas súas contornas; e Quiria-
táim coas súas contornas. 62Para os restantes
fillos de Merarí, déronlles: da tribo de Zebu-
lón, Rimón coas súas contornas; e Tabor coas
súas contornas. 63Na outra parte do Xordán,
de fronte a Iericó, ao leste do río Xordán, da
tribo de Rubén déronlles: Béser no deserto
coas súas contornas; Iahsah coas súas contor-
nas; 64Quedemot coas súas contornas; e Me-
fáat coas súas contornas. 65Da tribo de Gad:
Ramot en Galaad coas súas contornas; Ma-
hanáim coas súas contornas; 66Hexbón coas
súas contornas; e Iazer coas súas contornas.

**Descendentes de Isacar**

7 1Fillos de Isacar: Tolá, Fúah, Iaxub e
Ximrón: catro en total. 2Fillos de Tolá:
Uzí, Refaías, Ieriel, Iahmai, Ibsam e Samuel,
xefes das familias de Tolá, homes todos ca-
pacitados para o exercicio das armas. O seu
número no tempo de David era de vinte e
dous mil seiscentos. 3Fillo de Uzí: Izrahías;
fillos de Izrahías: Micael, Abdías, Ioel, Ixías:
en total cinco xefes. 4Tiñan, segundo as súas
xenealoxías polas casas paternas, trinta e seis
mil homes armados para a loita, pois eran
moitas as mulleres e fillos. 5Seus irmáns de
todas as familias de Isacar, homes guerreiros,
facían un total de oitenta e sete mil; todos es-
taban rexistrados nas xenealoxías.

**Descendentes de Benxamín**

6Fillos de Benxamín: Bela, Béquer e Ie-
diael: tres en total. 7Fillos de Bela: Esbón,
Uzí, Uziel, Ierimot e Irí: cinco en total. Eran
xefes das familias de seus pais e homes gue-
rreiros; tamén estes estaban rexistrados nas
xenealoxías en número de vinte e dous mil
trinta e catro. 8Fillos de Béquer: Zemirah,
Ioax, Eliézer, Elioenai, Omrí, Ierimot, Abías,
Anatot e Alémet, todos eles fillos de Bé-
quer, 9rexistrados nas xenealoxías, segundo
as súas xeracións, como xefes das familias
de seus pais, e homes guerreiros en número
de vinte mil douscentos. 10Fillo de Iediael:
Bilhán. Fillos de Bilhán: Iehux, Benxamín,
Ehud, Quenanah, Zetán, Tárxix e Ahixáhar,
11todos eles fillos de Iediael; como xefes das
familias de seus pais e homes guerreiros es-
taban rexistrados en número de dezasete mil
douscentos, preparados para tomaren armas
e marchar á guerra.

12Os xufitas e os hupitas eran fillos de Ir; e
os huxitas, fillos de Aher.

**Descendentes de Naftalí**

13Fillos de Naftalí: Iahsiel, Guní, Iéser e
Xalum, fillos de Bilhah.

**Descendentes de Menaxés**

14Fillos de Menaxés: Asriel e Maquir, pai
de Galaad. Os dous eran fillos dunha concu-
bina aramea. 15Maquir tomou muller dos xu-
fitas e hupitas. Súa irmá chamábase Macah.
O nome do segundo fillo era Selofhad. Selo-

**7**, 1-5 Depende de Núm **26**, 23-25.
**7**, 6-12 A lista dos benxaminitas non concorda plenamente coa ofrecida por Xén **46**, 21 e Núm **26**, 38-41. Dita lista será completada no seguinte c.
**7**, 13 Cf Núm **26**, 48-49.
**7**, 14-19 O autor depende de Núm **26**, 29-33.

fhad tivo fillas. [16]Macah, muller de Maquir, pariu un fillo e chamouno Pérex; seu irmán chamouse Xárex, e foron seus fillos Ulam e Ráquem. [17]Fillo de Ulam: Bedán. Estes son os fillos de Galaad, fillo de Maquir, fillo de Menaxés. [18]Súa irmá Hamoléquet pariu a Ixhod, Abiézer e a Mahlah. [19]Fillos de Xemidá: Ahián, Xequem, Lichí e Aniam.

### Descendentes de Efraím

[20]Fillos de Efraím: Xutélah, pai de Béred, pai de Ṭáhat; [21]pai de Zabad, pai de Xutélah, pai de Ézer e Élad. Os homes de Gat, oriúndos do territorio, matáronos cando baixaban para recoller o seu gando. [22]Efraím, seu pai, fixo moito tempo dó por eles, e os seus irmáns viñeron consolalo. [23]Despois foi onda súa muller, que concibiu e pariu un fillo; chamábase Beriah, pola desgraza na que se atopaba a súa familia. [24]Tivo por fillo a Xerah, que edificou Bethorón Alto e Baixo, e Uzén Xerah; [25]a Réfah, pai de Xutélah, pai de Táhan; [26]pai de Ladán, pai de Amihud, pai de Elixamá; [27]pai de Nun, pai de Xosué. [28]Tiñan habenza e morada en Betel e nas cidades da súa dependencia; ao oriente, Narán; ao occidente, en Guézer e nas cidades da súa dependencia; en Xequem e nas cidades da súa dependencia, ata Áiah e as cidades da súa dependencia. [29]Os fillos de Menaxés posuían Bet-Xeán e as cidades da súa dependencia, Zanac a as cidades da súa dependencia, Dor e as cidades da súa dependencia. Nestas cidades habitaron os fillos de Xosé, fillo de Israel.

### Descendentes de Axer

[30]Fillos de Axer: Imná, Ixvah, Ixví, Beriah e Sénah, súa irmá. [31]Fillos de Beriah: Héber e Malquiel. Malquiel era pai de Birzáit. [32]Héber xerou a Iaflet, Xomer, Hotam e Xuá, irmá destes. [33]Fillos de Iaflet: Pasac, Bimhal e Axvat. Estes son os fillos de Iaflet. [34]Fillos de Xomer: Ahí Rohgah, Iahbá e Aram. [35]Fillos de Hélem, seu irmán: Sofah, Imná, Xélex e Amal. [36]Fillos de Sofah: Súah, Harnéfer, Xual, Berí e Imrah; [37]Béser, Hod, Xamá, Xilxah, Itrán e Beerá. [38]Fillos de Iéter: Iefuneh, Pispah e Ará. [39]Fillos de Ulá: Arah, Haniel e Risías.

[40]Todos estes fillos de Axer eran xefes das casas de seus pais, homes selectos e guerreiros; xefes de príncipes. Estaban rexistrados nas xenealoxías en número de vinte e seis mil, preparados para a loita.

### Descendentes de Benxamín

**8** [1]Benxamín xerou a Bela, o seu primoxénito, a Axbel, o segundo; a Áhrah, o terceiro; [2]a Nohah, o cuarto, e a Rafá, o quinto. [3]Fillos de Bela: Adar, Guerá, pai de Ehud, [4]Abixúah, Naamán, Ahóah, [5]Guerá, Xefufán e Huram. [6]Velaí os fillos de Ehud, que eran xefes de familias entre os habitantes de Gueba e foron deportados a Manáhat: [7]Naamán, Ahías e Guerá. Este foi quen os deportou e xerou a Uzá e Ahihud. [8]Saharaim xerou fillos na terra de Moab despois de deixar as súas mulleres Huxim e Bará. [9]E da súa nova muller tivo: Iobab, Sibiá, Mexá, Malcam, [10]Ieús, Saquías e Mirmah. Estes son os seus fillos, xefes de familia. [11]De Hixim tivo: Abitub e Elpáal. [12]Fillos de Elpáal: Héber, Mixam e Xémed, que edificou Onó, Lod e as cidades da súa dependencia. [13]Berías e Xemá, que eran xefes de familia entre os habitantes de Aialón, fixeron fuxir aos habitantes de Gat.

[14]Ahío, Xaxac, Ieremot, [15]Zebadías, Arad, Éder, [16]Micael, Ixpah e Iohá, fillos de Berías. [17]Zebadías, Mexulam, Nizquí, Héber, [18]Hixmerai, Izliá e Iobab eran fillos de Elpáal. [19]Iaquim, Zicrí, Zabdí, [20]Elienai, Siltai, Éliel, [21]Adaías, Beraías e Ximrat, eran fillos de Ximí. [22]Ixpán, Héber, Eliel, [23]Abdón, Zicrí, Hanán, [24]Ananías, Elam, Antotías, [25]Ifdías e Penuel eran fillos de Xaxac. [26]Xamxerai, Seharías, Atalías, [27]Iarexías, Elías e Zicrí eran fillos de Ieroham. [28]Estes eran xefes de familia, segundo as súas liñaxes. Habitaban en Xerusalén.

[29]O pai de Gabaón habitaba en Gabaón. O nome da súa muller foi Macah. [30]Seu primoxénito era Abdón; despois, Sur, Quix, Báal, Ner, Nadab, [31]Guedor, Ahió, Zéquer e Miclot. [32]Miclot xerou a Ximah. Estes habitaron tamén con seus irmáns en Xerusalén. [33]Ner xerou a Quix; Quix xerou a Xaúl, Xaúl xerou a Ionatán, Malquixúa, Abinadab e Exbáal. [34]Fillo de Ionatán foi Meribaal; Meribaal xerou a Micah. [35]Fillos de Micah:

**7**, 29 Para os datos xeográficos o Cronista depende de Xer **17**, 11.
**7**, 30-40 Os dous primeiros vv. dependen de Xén **46**, 17; os outros proveñen dunha fonte descoñecida.
**8** Esta nova xeración de Benxamín é diferente da que se nos daba antes e da que nos presenta Xén **46**, 21 e Núm **26**, 28-41. O motivo máis doado da reaparición de Benxamín é a presenza de Xerusalén en varios vv. do c., cidade na que David fará construír o templo. É un c. desordenado e escuro.
**8**, 33-40 Preséntase a xenealoxía de Xaúl, excluído de **7**, 6-12 polo Cronista. Pode que sexa un engadido posterior.

Pitón, Mélec, Tarea de Ahaz. [36]Ahaz xerou
a Iehoiadah, Iehoiadah xerou a Alémet, Az-
mávet e Zimrí; Zimrí xerou a Mosá, [37]Mosá
xerou a Biná, pai de Rafá, pai de Elasah, pai
de Asel; [38]Asel tivo seis fillos: Azricam, Bo-
crú, Ismael, Xearías, Abdías e Hanán. Estes
foron fillos de Asel. [39]Os fillos de Éxec, seu
irmán: Ulam, o primoxénito; Iehux, o segun-
do; Elifélet, o terceiro. [40]Os fillos de Ulam
eran fortes, guerreiros e arqueiros. Tiveron
moitos fillos e netos, cento cincuenta en total.
Todos estes son fillos de Benxamín.

**9** [1]Todo Israel está rexistrado nas xenea-
loxías e inscrito no libro dos Reis de Is-
rael. Xudá foi levado preso a Babilonia polas
súas infidelidades.

### Habitantes de Xerusalén á volta da catividade

[2]Os primeiros habitantes que ocuparon
de novo as súas posesións, e as súas cidades
eran israelitas, sacerdotes, levitas e natineos.
[3]En Xerusalén establecéronse fillos de Xudá,
fillos de Benxamín, fillos de Efraím e de Me-
naxés. [4]Dos descendentes de Peres, fillo de
Xudá: Utai fillo de Amihud, fillo de Omrí,
fillo de Imrí, fillo de Baní. [5]Dos xilonitas:
Asaías, o primoxénito, e seus fillos. [6]Dos fi-
llos de Zérah: Ieuel e seus irmáns, seiscentos
noventa. [7]Dos fillos de Benxamín: Salú, fillo
de Mexulam, fillo de Hodavías, fillo de As-
nuá; [8]Ibneías, fillo de Ieroham; Elú, fillo de
Uzí, fillo de Micrí; Mexulam, fillo de Xefa-
tías, fillo de Reuel, fillo de Ibnías, [9]e seus ir-
máns, segundo as súas xeracións, novecentos
cincuenta e seis. Todos estes eran xefes de
familia nas casas de seus pais.

[10]Sacerdotes: Iedaías, Iehoiarib e Iaquín;
[11]Azarías, fillo de Hilquías, fillo de Mexulam,
fillo de Sadoc, fillo de Meraiot, fillo de Ahi-
tub, xefe do templo; [12]Adaías, fillo de Iero-
ham, fillo de Pashur, fillo de Malaquías; Ma-
sai, fillo de Adiel, fillo de Iahzerah, fillo de
Mexulam, fillo de Mexilemit, fillo de Imer,
[13]e seus irmáns, xefes das casas de seus pais,
mil setecentos sesenta homes fortes, ocupa-
dos en servir o templo.

[14]Levitas: Xemaías, fillo de Haxub, fillo de
Azricam, fillo de Haxabías, dos fillos de Me-
rarí; [15]Bacbacar, Hérex, Galal, Matanías, fillo
de Miqueas, fillo de Zicrí, fillo de Asaf; [16]Ab-
días, fillo de Xemaías, fillo de Galal, fillo de
Iedutún; Berequías, fillo de Asá, fillo de El-
canah, que habitou nos poboados de Netofat.

[17]Porteiros: Xalum, Acub, Talmón, Ahi-
mán. Seu irmán Xalum era o xefe. [18]E ata
hoxe está na porta do rei, no oriente. Estes
son os porteiros do campamento dos levitas.
[19]Xalum, fillo de Coré, fillo de Abiasaf, fillo
de Córah, e seus irmáns. Os coreítas tiñan ao
seu cargo a garda da entrada da Tenda, seus
pais fixeran a garda na entrada do campamen-
to de Iavé. [20]Pinhás, fillo de Elazar, foi antes
o seu xefe. E Iavé estivo con el. [21]Zacarías, fi-
llo de Mexelenías, era porteiro da entrada da
Tenda do Encontro. [22]Eran, con todos, cen-
to doce elixidos para porteiros da entrada, e
rexistrados nas xenealoxías, segundo as súas
cidades. David e Samuel, o vidente, elixíron-
nos para as súas funcións. [23]Eles e os seus
fillos gardaban as portas do templo da Tenda.
[24]Había porteiros aos catro ventos, a orien-
te e occidente, a norte e a mediodía. [25]Seus
irmáns residían nas súas aldeas; tiñan que
vir de tempo en tempo por sete días; [26]pero
estes catro xefes dos porteiros, estes levitas,
estaban sempre en funcións, e tiñan ademais
ao seu cargo a vixilancia das cámaras e dos
tesouros do templo. [27]Pasaban a noite arredor
da casa de Deus, da que tiñan a garda e a que
tiñan que abrir cada mañá.

[28]Uns estaban encargados das cousas do
culto. Levaban conta delas ao introducilas e
sacalas. [29]Outros coidaban de todas as cousas
do santuario, como a flor de fariña, o viño,
o aceite, o incenso e os perfumes. [30]Os fillos
dos sacerdotes facían a mestura dos perfu-
mes. [31]Matatías, un dos levitas, primoxénito
de Xalum, coreíta, coidaba das tortas que se
fritían nas tixolas; [32]e algúns de seus irmáns
de entre os quehatitas tiñan ao seu cargo pre-
parar todos os sábados os pans da proposi-
ción. [33]Os cantores, xefes de familia dos levi-
tas, que moraban nas cámaras, sen ningunha
outra función, porque día e noite estaban na
súa. [34]Eran os xefes de familia dos levitas,
xefes segundo as súas xeracións. Habitaban
en Xerusalén.

**9** Este c., que dá conta da poboación de Xerusalén, remata a parte primeira do libro dedicado ás xenealoxías. A finalidade do c. é mostrar a situación étnica da cidade santa, escolleita por Deus para ser o centro do novo e verdadeiro culto. Hai unha grande semellanza entre este c. e Neh **11**, 2-23, que moi ben puido servir de fonte ao Cronista.

**9**, 1 O nome *israelitas* é colectivo e serve para sinalar a todos os membros do pobo de Deus.

**9**, 3 Engadindo Efraím e Menaxés, o Cronista quere indicar que Xerusalén é o lugar de encontro de todas as tribos.

**9**, 17-34 Os porteiros tiñan a encomenda de impediren calquera profanación, ademais de coidaren do que era preciso para o culto (vv. 28-33). A súa institución é moi antiga, do tempo de Samuel (vv. 19-23).

35O pai de Gabaón, Ieiel, habitaba en Gabaón, e o nome da súa muller era Macah.
36Abdón era o seu primoxénito; despois viñan Sur, Quix, Báal, Ner, Nadab, 37Guedor,
Ahió, Zacarías e Miclot. 38Miclot xerou a
Ximah. Estes habitaban tamén en Xerusalén
con seus irmáns. 39Ner xerou a Quix; Quix
xerou a Xaúl; Xaúl xerou a Ionatán, Malquixúa, Abinadab e Exbáal. 40Fillo de Ionatán
foi Meribaal; Meribaal xerou a Micah. 41Os
fillos de Micah foron Pitón, Mélec, Tahrea
e Acaz. 42Acaz xerou a Iarah; Iarah xerou
a Alémet, Azmávet e Zimrí; Zimrí xerou a
Mosá; 43Mosá xerou a Biná, pai de Refaías,
pai de Ehasah, pai de Asel. 44Asel tivo seis fillos que polo seu nome son Azricam, Bocrú,
Ismael, Xearías, Abdías e Hanán. Estes son
os fillos de Asel.

### Morte de Xaúl

**10** 1Mentres tanto, os filisteos deron batalla a Israel e os homes de Israel fuxiron ante eles. Moitos deles caeron mortos no
monte de Guilboa. 2Os filisteos perseguiron
a Xaúl e aos seus fillos, e mataron a Ionatán,
Abinadab e Malquixúa, fillos de Xaúl. 3O
peso da batalla caeu sobre Xaúl; os arqueiros
descubrírono e ferírono. 4Entón dixo Xaúl ao
seu escudeiro: –Saca a espada e traspásame
con ela, para que non veñan eses incircuncisos e se moqueen de min.

Pero o escudeiro non quixo porque tremía
de medo. Entón Xaúl tomou a súa espada e
deixouse caer sobre ela. 5Cando o escudeiro
viu que Xaúl morrera, botouse tamén sobre a
súa espada e morreu. 6Así morreu Xaúl e os
seus tres fillos. Con eles desapareceu toda a
súa familia.

7Cando os israelitas do val viron que Israel
fuxía e que Xaúl e os seus fillos morreran,
deixaron as súas cidades para fuxiren tamén
eles. Os filisteos viñeron inmediatamente e
establecéronse nelas. 8Pero outro día, pola
mañá, viñeron os filisteos para espoliar os
mortos, e atoparon a Xaúl e os seus fillos
mortos no monte Guilboa. 9Espoliáronos
e levaron as súas cabezas e as súas armas,
pregoando as boas novas por toda a terra dos
filisteos, aos seus ídolos e ao seu pobo. 10As
armas de Xaúl puxéronas no templo do seu
deus, e a cabeza colgárona no templo de Dagón.

11Os veciños de Iabex-Galaad, en oíndo
o que fixeran os filisteos con Xaúl, 12levantáronse, tomaron os corpos de Xaúl e de seus
fillos, e leváronos a Iabex. Enterraron os seus
ósos debaixo dun carballo, en Iabex, e fixeron xaxún por sete días. 13Deste xeito morreu
Xaúl, porque se fixera culpable de infidelidade para con Iavé, de quen non seguiu a súa
palabra, e por consultar os feiticeiros que
invocan aos mortos, 14en vez de consultar a
Iavé. Por iso Iavé fíxoo morrer, entregándolle o reino a David, fillo de Ixaí.

### David Rei

**11** 1Todo Israel congregouse arredor de
David en Hebrón, dicindo: –Mira: ti
es óso dos nosos ósos e carne da nosa carne.
2Xa antes, aínda reinando Xaúl, eras ti o definitivo xefe de Israel. Iavé, o teu Deus, díxoche: "Ti apacentarás o meu pobo de Israel e
ti serás o xefe do meu pobo Israel".

3Así todos os anciáns de Israel viñeron visitar o rei, a Hebrón, e David fixo con eles
alianza en Hebrón, diante de Iavé. Unxiron a
David por rei de Israel, segundo a palabra de
Iavé pronunciada por Samuel.

### Conquista de Xerusalén

4Marchou David con todo Israel contra
Xerusalén que se chamaba Iebús. Habitaban
alí os iebuseos. 5Os habitantes de Iebús dixeron a David: –Ti non entrarás aquí.

**9**, 35-44 Duplicado de **8**, 29-38. Unha vez máis o Cronista pon de relevo que a infidelidade de Xaúl, en contraste coa fidelidade dos levitas, só trouxo a perdición, tal como se conta no seguinte capítulo. Os vv. 35-38 hainos que ler á luz de 1 Cro **21-29** e 2 Cro **1**.

**10** Con este c. comeza a parte dedicada a David (cc. **10-29**), na que se describe toda a actividade litúrxica e relixiosa do rei. O c. **10**, concretamente, é unha introdución á historia do rei pío, a quen todos deben ollar. David é o modelo polo que serán xulgados polo Cronista. A fonte, emendada e aumentada, é 1 Sam **31**, 1-13.

**10**, 4 *Incircuncisos* é o termo desprezativo para sinalar os filisteos (cf 1 Sam **14**, 6; **17**, 26).

**10**, 10 *Seu deus*: refírese a Axtarté (cf 1 Sam **31**, 1-13).

**10**, 12 *Enterraron*: non se fala de "incineración" (cf 1 Sam **31**, 12), por ser un costume pagán no tempo do Cronista.

**10**, 13-14 A morte de Xaúl é considerada polo Cronista como un castigo de Deus polo seu pecado. Este xuízo parte da doutrina da retribución, tan querida polo autor.

**11** Este c. mostra a David rodeado desde un principio polos xefes e o pobo fiel. A fonte principal é 2 Sam **5**, 1-3.

**11**, 1 *Todo Israel*: David non podía, na mente do autor, ser rei senón de todo o pobo. A expresión é tamén importante para ver que, segundo o Cronista, o pobo é unha comunidade única e enteira, tal como se ten manifestado mesmo na conquista de Xerusalén (v. 4).

**11**, 3 O feito de que David sexa rei de todo Israel non é unha elección do pobo, senón do mesmo Deus, manifestada a través de Samuel.

**11**, 4-9 Reprodúcese 2 Sam **5**, 6-10, esquecendo aqueles detalles que poderían deixar mal á persoa de David (cf 2 Sam **5**, 6). David é o rei amado por Deus (**9**, 17-24), por iso é preciso esquecer calquera aspecto negativo da súa vida.

Pero David apoderouse da fortaleza, de
Sión, que é a cidade de David. 6David dixera:
"Quen primeiro mate a un iebuseo será xefe
e príncipe". Ioab, fillo de Seruiah, foi o pri-
meiro en subir, e foi feito xefe. 7David esta-
bleceuse na fortaleza, que por isto se chamou
a cidade de David. 8Edificou a cidade no seu
arredor, desde o Miló, mentres Ioab recons-
truíu o resto da cidade. 9David veu ser cada
día máis grande e Iavé Sebaot estaba con el.

10Velaí os primeiros dos valentes que se-
guiron a David e o axudaron con todo Israel
a asegurar o seu dominio e facelo rei de Israel
segundo a palabra de Iavé. 11Velaí os nomes
dos valentes que seguiron a David: Iaxobam,
fillo de Hacmoní, primeiro da terna, que
brandiu a súa lanza contra trescentos homes
que derrotou dunha vez. 12Despois del, Ela-
zar, fillo de Dodó, ahohita, outro dos tres.
13Estaba este con David en Pas-Damim, onde
os filisteos se reuniran para a loita; había alí
unha leira de cebada, e, fuxindo o pobo xa
ante os filisteos, 14púxose no medio da leira e
defendeuna e derrotou aos filisteos. Iavé ou-
torgou así unha gran vitoria.

15Tres dos trinta baixaron onde estaba Da-
vid á rocha da caverna de Adulam, cando
estaban acampados os filisteos no val de Re-
faím. 16David estaba no refuxio e os filisteos
tiñan unha gornición en Belén. 17Deu David
en dicir: –Quen puidese beber auga do depó-
sito que está ás portas de Belén!

18E entón os tres atravesaron o campamen-
to dos filisteos, colleron auga do depósito
que está ás portas de Belén, e, levándoa, pre-
sentáronlla a David. Pero David negouse a
bebela e derramouna en libación ante Iavé,
19dicindo: –Líbreme Deus de facer tal cousa!
Sería como beber o sangue destes homes que
con risco da súa vida foron alá (porque era
certamente con risco das súas vidas como a
trouxeran).

E non quixo bebela. Isto fixeron os tres
valentes.

20Abixaí, irmán de Ioab, era xefe dos trin-
ta. Brandiu a súa lanza contra trescentos, que
matou, e tivo sona entre os trinta, 21e era o
máis considerado entre eles, chegando a ser
xefe deles, pero non chegou a igualar aos
tres. 22Despois viña Benaías, fillo de Iehoiadá,
home de moito valor e coñecido polas súas
fazañas. Era oriúndo de Cabsel. Matou a dous
valentes de Moab, e un día de neve baixando
a unha cisterna, matou un león. 23Matou ta-
mén a un exipcio que tiña cinco cóbados de
alto e unha lanza coma unha agulla de tece-
deira. Baixou contra el cun pau e arrincoulle
a lanza da man, matándoo con ela. 24Isto fixo
Benaías, fillo de Iehoiadá, que tivo gran sona
entre os trinta. 25Foi moi considerado entre
eles, pero non chegaba aos tres primeiros.
David púxoo á fronte da súa garda.

26Os valentes do exército eran: Asael, ir-
mán de Ioab, Elhanán, fillo de Dodó, de
Belén; 27Xamot, o arorita, e Heles, o pelo-
nita; 28Irá, fillo de Iquex, o tecoíta; Abiézer,
de Anatot; 29Sibcai, de Huxah, Ilai, ahohita;
30Mahrai, de Netofah; Héled, fillo de Banah,
de Netofah. 31Itai, fillo de Ribai, de Guibah,
dos fillos de Benxamín; Benaías, de Piratón;
32Hurai, dos vales de Gáax; Abiel, da Arabah;
33Azmávet, de Bahurim; Eliahbá, Xalbonita;
34Iaxén, gunita; Ionatán, fillo de Xagueh, de
Harar; 35Ahiam, fillo de Sacar, de Harar; Eli-
fal, fillo de Ur; 36Héfer, de Mequerah; Ahías,
de Pelón; 37Hesró, do Carmel; Narai fillo de
Ezbai 38 Ioel irmán de Natán; Mibhar, fillo
de Hagri; 39Sélec, amonita; Nahrai de Berot,
escudeiro de Ioab, fillo de Seruiah; 40Irá, de
Iatir; Gareb, de Iatir; 41Urías, o hitita; Zabad,
fillo de Ahlai; 42Adiná, fillo de Xizá, rubeni-
ta, xefe dos rubenitas, e con el trinta máis;
43Hanán, fillo de Macah; Ioxafat, o mitni-
ta; 44Uzías, de Axtarot; Xamá e Ieuel fillos
de Hotam, de Aroer; 45Iediel, fillo de Xim-
rí; Iohá, seu irmán, tisita; 46Eliel, mahavita;
Ieribai e Ioxavías, fillos de Elnáham; Itmah,
moabita; 47Eliel, Obed e Iasiel, de Sobah.

### Guerreiros que se uniron a David xa en tempos de Xaúl

**12** 1Estes son os que viñeron unirse a
David en Siquelag, cando estaba lonxe
de Xaúl, fillo de Quix. Eran algúns dos solda-
dos que lle prestaron axuda durante a guerra.
2Eran arqueiros e tiraban pedras o mesmo coa
man dereita ca coa esquerda e tiraban frechas
co arco. Eran todos de Benxamín, do clan

**11**, 10-47 O Cronista quere, a través desta lista tomada en parte de 2 Sam **23**, 24-39 (cf vv. 26-41), poñer de manifesto a grandeza de David e o apoio que este recibiu dos principais do pobo e aínda daquelas rexións máis apartadas de Israel como son as de Rubén, Aroer, Moab e Gad, na Transxordania (vv. 41b-49; **12**, 9-16).
Neste contexto deberán de lerse tamén os vv. 17-19, que nos contan un dos poucos acontecementos da vida de David, transcritos polo Cronista.

**12** O Cronista preséntanos ás xentes de Benxamín, Gad, Xudá e Menaxés unidas a David. Unha vez máis o Cronista afástase da tradición histórica que mostra as tribos con tendencias separatistas, para inculcar a solidariedade de todos co rei David. Estar con David é estar con Iavé (vv. 17-19) e seguir as súas consignas (v. 24).

dos irmáns de Xaúl. [3]Os xefes eran Ahiézer e Ioax, fillos de Xemaah, de Guibah; Ieziel e Pélet, fillos de Azmávet; Beracah e Iehú, de Anatot; [4]Ixmaías, de Gabaón, soldado entre os trinta e xefe dos trinta; [5]Xeremías, Iahziel, Iohanán, Iozabad, de Guederah; [6]Eluzai; Ierimot, Balías, Xemarías, e Xefatías, de Harif; [7]Elcanah, Isaías, Azarel, Ioézer e Iaxobam, descendentes de Coré; [8]Ioelah e Zebadías, fillos de Ieroham, de Guedor.

[9]Tamén de entre os gaditas foron unirse a David, no refuxio do deserto, soldados entendidos na guerra, armados de escudo e lanza, semellantes a leóns e lixeiros coma cabras do monte. [10]Ézer era o xefe; Abdías, o segundo; Eliab, o terceiro; [11]Mixmanah, o cuarto; Xeremías, o quinto; [12]Ataí, o sexto; Eliel, o sétimo; [13]Iohanán o oitavo; Elzabad, o noveno; [14]Xeremías, o décimo; Macbanai, o undécimo. [15]Eran fillos de Gad, xefes do exército. Un só, o menor de todos, valía por cen; o máis vello, por mil. [16]Estes foron os que pasaron o Xordán no primeiro mes, cando desbordaba por todas as súas beiras, e puxeron en fuga a todos os habitantes dos vales, a oriente e occidente.

[17]Houbo tamén entre os fillos de Benxamín e de Xudá quen se uniu a David no refuxio. [18]David saíulles ao encontro e díxolles: –Se vides a min con boas intencións, para axudarme, o meu corazón farase a vós, pero se é para enganarme en proveito dos meus inimigos, estando as miñas mans limpas de iniquidade, véxao o Deus de nosos pais, e que el xulgue.

[19]Entón revestiuse do espírito Amasai, que era o xefe dos trinta, e exclamou: –Paz a ti e ao pobo, fillo de Ixaí. Paz a ti e a cantos te axudan, pois o teu Deus está da túa parte.

David recibiunos e fíxoos xefes das tropas.

[20]Tamén dos fillos de Menaxés, viñeron algúns xuntarse con David cando foi cos filisteos á batalla contra Xaúl, aínda que non combateu, porque os príncipes dos filisteos, celebrando o consello, despedírono dicindo: "Pasaríase a Xaúl, con perigo das nosas cabezas". [21]Cando marchou de Siquelag, estes foron os que se lle uniron de Menaxés: Adnah, Iozabad, Iediel, Micael, Iozabad, Elihú e Siltai, xefes de millares de Menaxés. [22]Axudaron a David contra as bandas de ladróns, pois eran todos homes valorosos e viñeron ser xefes do exército. [23]Día a día chegaban xentes a unirse a David, ata que deu en ter un grande exército, coma un exército de Deus.

### Guerreiros que viñeron a Hebrón para facer rei a David

[24]Velaquí o número de homes de guerra que armados viñeron a David, a Hebrón, para transferirlle o reino de Xaúl, segundo o mandato de Iavé: [25]Dos fillos de Xudá armados de escudo e lanza, seis mil oitocentos homes de guerra. [26]Dos fillos de Simeón, homes valorosos para a guerra, sete mil cen. [27]Dos fillos de Leví, catro mil seiscentos; [28]e Iehoiadá, príncipe de Aharón, e con el tres mil setecentos; [29]e Sadoc, novo e valoroso, con vinte e dous dos príncipes da casa de seu pai. [30]Dos fillos de Benxamín, e irmáns de Xaúl, tres mil, pois ata entón a maior parte deles permaneceran fieis á casa de Xaúl. [31]Dos fillos de Efraím, vinte mil oitocentos homes con sona de valentes, segundo as casas de seus pais. [32]Da media tribo de Menaxés, dezaoito mil, designados nominalmente para iren proclamar rei a David. [33]Dos fillos de Isacar, expertos en coñecer o que se tiña que facer en Israel, douscentos de entre os seus xefes, con todos os seus irmáns baixo as súas ordes. [34]De Zebulón, cincuenta mil, en idade de tomar as armas, provistos de armas de todo xeito para o combate, dispostos a facer batalla con ánimo resolto. [35]De Naftalí, mil xefes, e con eles trinta e sete mil soldados, que levaban escudo e lanza. [36]De Dan, armados para a guerra, vinte e oito mil seiscentos. [37]De Axer, homes de guerra prontos para o combate, corenta mil. [38]E da outra beira do Xordán, dos rubenitas, dos gaditas e da media tribo de Menaxés, cento vinte mil con armas de todas as clases.

[39]Todos estes homes, xente de guerra, dispostos para o combate, chegaron a Hebrón con leal corazón para faceren a David rei de todo Israel, e todo o resto de Israel estaba igualmente de acordo en querer a David por rei. [40]Estiveron alí tres días con David, comendo e bebendo, pois os seus irmáns subministráronlles as provisións, [41]e aínda os de Isacar, Zebulón e Naftalí, traían fariña, figos secos, viño e aceite en burros, camelos e bois, tamén vacas e ovellas dabondo.

**12**, 16 *Primeiro mes*, é dicir, o de Nisán (marzo-abril), cando se derreten as neves do Hermón.
**12**, 25-41 O texto está modelado segundo Núm **1-3**.
**12**, 26 O número de tribos é de trece, pola mención de Leví e o xa tradicional desdobramento de Xosé.
**12**, 41 O tema da festa e o gozo é un dos favoritos do Cronista (cf 2 Cro **23**, 13-21; **29**, 36; **30**, 23. 25-26).

### Traslado da Arca

**13** [1]David celebrou consello cos xefes de millares e de centos, e con todos os príncipes. [2]Despois dixo a toda a comunidade de Israel: –Se vos parece ben e Iavé, o noso Deus, o aproba, imos mandar unha mensaxe a todos os nosos irmáns espallados por todo Israel, aos sacerdotes e aos levitas que habitan nas cidades e aldeas, para que veñan xuntarse connosco. [3]Logo traeremos a Arca do noso Deus, da que non nos preocupamos nos tempos de Xaúl.

[4]Entón toda a asemblea resolveu facelo así, pois a cousa pareceu conveniente a todo o pobo. [5]Reuniu, pois, David a todo Israel, desde o torrente de Exipto ata a entrada de Hamat, para traeren a Arca de Deus de Quiriat-Iearim. [6]Subiu David, con todo Israel cara a Baalah ou Quiriat-Iearim, que está en Xudá, para trasladar a Arca de Deus, Iavé, que se senta entre os querubíns, na que se invoca o seu nome. [7]Puxeron a Arca de Deus sobre un carro novo e levárona da casa de Abinadab. Conducían o carro Uzá e Ahió. [8]David e todo Israel danzaban diante de Deus con todas as súas forzas e cantaban e tocaban arpas, salterios e pandeiros, címbalos e trompetas.

[9]Cando chegaron á eira de Quidón, Uzá tendeu a man para agarrar a Arca pois tirábana os bois. [10]A ira de Iavé acendeuse contra Uzá, por estender a man sobre a Arca, e Uzá morreu alí, diante de Iavé. [11]David irritouse porque Iavé acabou con Uzá, polo que aquel lugar se chama ata hoxe Peres-Uzá. [12]David, entón, empezou a sentir temor de Deus, dicindo: –Como vou traer á miña casa a Arca de Deus?

[13]E non levou consigo a Arca de Deus á cidade de David, senón que a mandou levar á casa de Obededom, o de Gat. [14]A Arca de Deus estivo tres meses na casa de Obededom, polo que Iavé bendiciu a casa de Obededom e todo canto tiña.

### Triunfo de David sobre os filisteos

**14** [1]Hiram, rei de Tiro, mandou embaixadores a David e proporcionoulle madeira de cedro, canteiros e carpinteiros para que lle edificasen un palacio. [2]Coñeceu David que Iavé afirmaba o seu dominio sobre Israel e que exaltaba o seu reino por amor a Israel, o seu pobo.

[3]David tomou, entón, mulleres en Xerusalén, e tivo fillos e fillas. [4]O nome dos que lle naceron en Xerusalén son: Xamúa, Xobab, Natán, Salomón, [5]Ibhar, Elixúa, Elpálet, [6]Nógah, Néfeg, Iafía, [7]Elixamá, Beliadá e Elifálet.

[8]Cando os filisteos souberon que David fora unxido rei de todo Israel, subiron todos na súa busca, e David, que o soubo, saíulles ao camiño. [9]Chegaron os filisteos e espalláronse polo val de Refaím.

[10]David consultou a Deus: –Subirei contra os filisteos? Entregaralos nas miñas mans?

Iavé díxolle: –Sube e poreinos nas túas mans.

[11]Subiron eles a Baal-Perasim, onde David os derrotou. Logo dixo: –Deus dispersou pola miña man os meus inimigos, como derramo das augas que escorren.

Por iso déronlle a aquel lugar o nome de Baal-Perasim. [12]Os filisteos deixaron ciscados os seus deuses, que foron queimados por orde de David. [13]Os filisteos invadiron de novo o val, [14]David consultou de novo a Deus, quen lle dixo: –Non subas contra eles: rodéaos e bótate sobre eles desde a banda das moreiras. [15]Cando polo cume das moreiras escoites un estrondo, ataca axiña, que Deus irá diante de ti para derrotar o campo dos filisteos.

[16]Fixo David como Deus lle mandara, e derrotou os filisteos desde Gabaón ata Guézer. [17]A sona de David estendíase por todas aquelas terras e puxo Iavé sobre todas as xentes o temor a David.

### A Arca levada a Xerusalén

**15** [1]David levantou un palacio na cidade de David e preparou un lugar para a Arca de Deus, alzando para ela unha tenda. [2]Entón ordenou: –A Arca de Deus non debe ser transportada senón polos levitas, porque son os que Iavé escolleu para trasladala e para facer o seu servizo para sempre endexamais.

**13** O traslado da Arca da Alianza a Xerusalén é un acto de capital importancia para o Cronista (cc. **13**. **15-16**). A fonte utilizada é 2 Sam **6**, 2-11. O autor destaca o significado litúrxico do acontecemento.
**13**, 1-4 A translación é obra de todo Israel. É a primeira gran peregrinación de toda a asemblea a Xerusalén, organizada por David, despois de tomar consello (v. 1; cf 2 Cro **30**, 5-10; **34**, 33; **35**, 18).
**13**, 7-11 Cf Éx **19**, 21 e 2 Sam **6**, 2-11.
**14** Para este c., que é unha paréntese entre o **13** e o **15**, o noso autor válese de 2 Sam **5**, 11-25. A finalidade está clara: Iavé está con David en todo o que el faga.
**14**, 3-7 Para salvar a gloria do rei David, omite a mención das súas concubinas (cf 2 Sam **5**, 13).
**14**, 12 Cf Dt **7**, 5-25; **12**, 3.
**14**, 15 Cf Sal **18**, 11.
**14**, 17 Cf Sal **2**.
**15** O c. **15** está en estreita relación co **16**. Ambos os dous dependen de 2 Sam **6**, 12b-20a e mostran gran interese polo culto (vv. 16-24).

[3]Reuniu David a todo Israel en Xerusalén
para subir a Arca de Iavé ao lugar que lle tiña
disposto. [4]Tamén reuniu aos fillos de Aharón
e aos levitas. [5]Dos fillos de Quehat ao xefe
Uriel e mais cento vinte da súa familia. [6]Dos
fillos de Merarí, ao xefe Asaías e mais dous-
centos vinte da súa familia. [7]Dos fillos de
Guerxom, ao xefe Ioel e mais cento trinta da
súa familia. [8]Dos fillos de Elisafán, ao xefe
Semaías e mais douscentos da súa familia.
[9]Dos fillos de Hebrón, ao xefe Eliel e oitenta
da súa familia. [10]Dos fillos de Uziel, ao xefe
Aminadab e cento doce da súa familia.

[11]David chamou aos sacerdotes Sadoc e
Abiatar e aos levitas Uriel, Asaías, Ioel, Se-
maías, Eliel e Aminadab [12]e díxolles: –Vós
sodes os xefes da familia dos levitas; san-
tificádevos vós e vosos irmáns para subir a
Arca de Iavé, o Deus de Israel, ao lugar que
eu teño preparado. [13]Por non estardes vós alí
a primeira vez, Iavé, noso Deus, castigou-
nos, porque non o fomos buscar como é de-
bido.

[14]Santificáronse os sacerdotes e os levitas
para subir a Arca de Iavé, Deus de Israel.

[15]Os fillos dos levitas levaban a Arca de
Deus ás costas por medio de varais, como
ordenara Moisés, segundo o disposto por
Iavé. [16]David mandou aos xefes dos levitas
que dispuxesen os seus irmáns cantores, que
fixesen resoar os instrumentos musicais; ar-
pas, cítolas e pandeiros en sinal de ledicia; [17]e
os levitas designaron a Hemán, fillo de Ioel;
e, de entre os seus irmáns, a Asaf, fillo de
Berequías; e, de entre os fillos de Merarí, de
entre os seus irmáns, a Etán, fillo de Cuxaías.
[18]Con eles tamén, os seus irmáns de segun-
da orde: Zacarías, Iaziel, Xemiramot, Iehiel,
Uní, Eliab, Benaías, Maseías, Matitías, Eli-
flehu, Micneías, Obededom e Ieiel, porteiros.
[19]Os cantores, Hemán, Asaf e Etán levaban
e facían resoar címbalos de bronce; [20]Zaca-
rías, Uziel, Xemiramot, Iehiel, Uní, Eliab,
Maseías e Benaías, tiñan arpas afinadas para
voces virxes; [21]Matitías, Eliflehu, Micreías,
Obededom, Iehiel e Azarías, tiñan cítolas afi-
nadas na oitava, para dirixir o canto; [22]Que-
nanías, xefe dos levitas, dirixía o canto, pois
era moi entendido nel, [23]Berequías e Elcanah
eran os porteiros da Arca; [24]Xebanías, Io-
xafat, Natanael, Amasai, Zacarías, Benaías
e Eliézer, sacerdotes, tocaban as trompetas
diante da Arca de Deus. Obededom e Iehías
eran tamén porteiros da Arca.

[25]David, os anciáns e os xefes de millares,
foron traer a Arca da Alianza de Iavé desde a
casa de Obededom, con gran ledicia. [26]E por
axudar Deus aos levitas que levaban a Arca
da Alianza de Iavé, sacrificáronse sete xatos
e sete carneiros. [27]David ía vestido cun manto
de liño fino, e o mesmo os levitas que leva-
ban a Arca, os cantores e Quenanías, director
dos cantos. David tamén levaba por riba da
túnica un *efod* de liño. [28]Desta maneira levou
todo Israel a Arca da Alianza de Iavé entre
aturuxos ao son das bucinas, das trompetas,
dos pandeiros, das arpas e das cítolas. [29]Can-
do a Arca da Alianza de Iavé chegou á cida-
de de David, Micol, filla de Xaúl, que ollaba
desde unha fiestra, viu ao rei David cantando
e bailando diante da Arca e menosprezouno
no seu corazón.

### A Arca é posta na tenda

**16** [1]Traída a Arca de Deus, puxérona no
medio da tenda que David levantara
para ela, e ofreceron holocaustos e sacrifi-
cios de comuñón ante Deus. [2]Cando David
acabou cos holocaustos e sacrificios de co-
muñón bendiciu ao pobo no nome de Iavé,
[3]e distribuíu a todo Israel, homes e mulle-
res, un molete de pan, unha tallada de carne
e unha bica de uvas pasas. [4]Puxo levitas ao
servizo da Arca de Iavé para invocar, loar e
enxalzar a Iavé, Deus de Israel: [5]Asaf, o xefe,
Zacarías, o segundo; logo Uziel, Xemiramot,
Iehiel, Matitías, Eliab, Benaías, Obededom e
Ieiel, con arpas e cítolas. Asaf facía soar os
pratos. [6]Os sacerdotes Benaías e Iahziel to-
caban continuamente as trompetas perante a
Arca da Alianza de Iavé.

[7]Aquel día, David, encargou por primei-
ra vez a Asaf e a seus irmáns, para cantar as
loanzas de Iavé, este cántico:

[8]Loade a Iavé, invocade o seu Nome!
Pregoade aos pobos as súas fazañas!
[9]Cantádelle, cantade salmos
na súa honra!
Dade a coñecer todos os seus portentos!
[10]Gloriádevos no seu santo Nome!
Alégrese o corazón
dos que procuran a Iavé!
[11]Acudide a Iavé e á súa forza,
buscade sempre o seu rostro!

**15**, 12 A santificación esixida levaba consigo absterse de relacións sexuais (1 Sam **21**, 6) e de xantar manxares sacros (Lev **22**, 2).
**15**, 15 Cf Éx **25**, 13-14.

**16**, 4-7 O canto e a música teñen unha importancia excepcional para o Cronista. O culto de loanza case substitúe ao dos sacrificios.
**16**, 8-36 Composición do Cronista, baseada nos salmos **96**, 11-13a; **105**, 1-15; **106**, 1. 47-48.

[12]Lembrádevos das marabillas que fixo,
dos seus prodixios, dos xuízos da súa boca!
[13]Descendentes de Israel, o seu servo,
fillos de Xacob, o seu elixido!
[14]Iavé é o noso Deus,
El goberna a terra toda.
[15]Lémbrase sempre da súa alianza,
das promesas por mil xeracións;
[16]da alianza que fixo con Abraham,
do xuramento feito a Isaac,
[17]do que fielmente estableceu con Xacob,
e con Israel como pacto eterno,
[18]dicindo: "Dareiche a terra de Canaán
que será porción da vosa herdade".
[19]Daquela eran pouco numerosos,
pouco numerosos e estranxeiros no país.
[20]Cando ían vagabundos
de nación en nación, de reino en reino,
[21]non consentiu que ninguén os asoballase,
e por causa deles castigou aos reis:
[22]"Non toquedes os meus unxidos,
non fagades mal aos meus profetas".
[23]Cantade a Iavé, homes de toda a terra,
pregoade, un día e outro,
a súa salvación!
[24]Pregoade a súa gloria entre as xentes,
os seus prodixios a todos os pobos!
[25]Porque Iavé é grande,
digno de toda loanza,
temible sobre todos os deuses.
[26]Porque os deuses dos pobos son ídolos,
pero Iavé é o facedor dos ceos.
[27]Maxestade e magnificencia
sexan perante El,
fortaleza e beleza na súa morada.
[28]Familias dos pobos, aclamade a Iavé,
dade a Iavé honra e gloria!
[29]Dade gloria ao nome de Iavé!
Traede ofrendas, vinde visitalo,
adorádeo no adro sagrado!
[30]Trema a terra na súa presenza.
El afianzou o orbe e non se moverá.
[31]Alédese o ceo e alégrese a terra,
pregóese entre as xentes: "Iavé reina!".
[32]Brúe o mar e canto o enche,
salte de xúbilo o agro e canto hai nel.
[33]Salten as árbores das selvas diante de Iavé,
pois vén rexer a terra.
[34]Dade grazas a Iavé porque é bo,
porque é eterna a súa misericordia.
[35]Dicide: "Sálvanos, oh Deus!, saúde nosa,
xúntanos e líbranos das xentes,
para que confesemos o teu nome
e poñamos a nosa gloria en loarte".
[36]Bendito sexa Iavé, Deus de Israel,
por toda a eternidade!
E todo o pobo respondeu:
–Amén! Aleluia!

[37]David deixou alí, diante da Arca da Alianza de Iavé, a Asaf e os irmáns, para que constantemente servisen diante da Arca cada cousa ao seu tempo. [38]A Obededom fillo de Ieditún e os seus irmáns, en número de sesenta e oito, nomeounos porteiros. [39]Así mesmo a Sadoc e aos seus irmáns, sacerdotes, encargounos do santuario de Iavé que está na altura de Gabaón, [40]para que alí ofrecesen a Iavé continuamente, mañá e tarde, holocaustos, e cumprisen todo canto está escrito na Lei dada por Iavé a Israel. [41]Con eles estaban Hemán e Ieditún e os restantes escollidos e nominalmente asignados para loar a Iavé: "Porque é eterna a súa misericordia". [42]Hemán e Ieditún facían soar trompetas, pratos e outros instrumentos músicos, cos que acompañaban os cantos en honra de Deus. Os fillos de Ieditún eran porteiros. [43]Todo o pobo foise logo, cada un á súa casa, e David volveuse a bendicir a súa.

### Profecía de Natán

**17** [1]Cando David moraba xa no seu palacio, díxolle ao profeta Natán: –Eu estou habitando unha casa de cedro, mentres a Arca da Alianza do Señor está baixo unha tenda.

[2]Natán respondeu a David: –Fai o que tes no corazón, pois o Señor está contigo.

[3]Pero aquela mesma noite o Señor reveloulle a Natán: [4]–Dille a David, o meu servo: "Así fala o Señor: Non serás ti quen me edifique unha casa na que habitar. [5]Nunca, desde que deixei Exipto ata hoxe, habitei en casa, senón que andei dunha parte a outra, nunha tenda. [6]Por onde queira que camiñei con Israel, encargueille seica a algún xuíz de Israel, aos que mandei para apacentar o meu pobo, que me fixesen unha casa de cedro?". [7]Dille, pois, agora ao meu servo David: "Así fala Iavé Sebaot: Eu tomeite dos pasteiros, de detrás do gando, para que foses xefe do meu pobo de Israel; [8]estiven contigo por onde queira que ti andaches; exterminei perante ti a todos os teus inimigos e fixen o teu nome semellante ao dos grandes da terra; [9]deille

**16**, 37-43 David aparece como outro Moisés (cf Lev **9**).
**17** Este c., en estreito paralelismo con 2 Sam **7**, 1-29, divídese en dúas partes: profecía de Natán (vv. 1-15) e acción de grazas de David (vv. 16-27). En todo el manifestase unha particular teoloxía da historia, xa que David aparece como autor virtual do templo, como se verá claramente a partir do c. **21**.

un lugar onde morar ao meu pobo Israel, e planteino para que acougue sen atrancos, e que os fillos da iniquidade non o desfagan coma noutrora, [10]cando establecín xuíces sobre o meu pobo Israel. Abaixei a todos os teus inimigos. Ademais fágoche saber que o Señor che fundará unha dinastía. [11]Cando os teus días sexan cumpridos e vaias xuntarte con teus pais, eu alzarei a un da túa descendencia, a un dos teus fillos, e afirmarei o seu reino. [12]Será el quen me edificará unha casa e eu afirmarei para sempre o seu trono. [13]Eu serei para el un pai, e el será para min un fillo; e non apartarei del a miña graza, como a apartei do teu predecesor. [14]Establecereino para sempre na miña casa e no meu reino, e o seu trono estará firme por toda a eternidade".

[15]Natán transmitiu a David todas estas palabras e toda a revelación. [16]O rei David presentouse diante do Señor e dixo: –Quen son eu, Iavé Deus, e que é a miña casa, para que me trouxeses onde estou? [17]Pero isto aínda é pouco aos teus ollos, Señor, e falas da casa do teu servo para tempo remoto mentres haxa homes, oh Iavé, Deus! [18]Que máis pode engadir David da gloria que concedes ao teu servo, ti que o coñeces, oh Iavé? [19]Oh Iavé: por amor do teu servo e segundo o teu corazón fixeches todas esas grandezas, para nos dar a coñecer todas esas marabillas. [20]Señor! Non hai outro semellante a ti, non hai ningún Deus fóra de ti, como oímos cos nosos oídos. [21]Hai sobre a terra unha soa nación que sexa coma o teu pobo Israel, o que Deus veu rescatar para facelo seu, con tantos milagres e prodixios, e desbotando as nacións diante del, como fixeches con Israel, ao que liberaches da servidume de Exipto? [22]Ti fixeches do teu pobo Israel, o teu pobo para sempre, e ti, oh Iavé!, ti es o seu Deus. [23]Agora, pois, Señor, confírmese para sempre a palabra que dixeches ao teu servo e á súa casa: cúmprea. [24]Que perdure para que o teu nome sexa sempre glorificado e digan todos: "Iavé Sebaot é en verdade un Deus para Israel". E que a casa de David, o teu servo, se afirme ante ti, [25]pois ti mesmo, meu Deus, revelaches ao teu servo que lle edificarás unha dinastía. Por iso o teu servo ousou pregarche deste xeito. [26]Agora, pois, Señor: ti que es Deus e prometiches ao teu servo este ben, [27]bendí a casa do teu servo, para que sempre subsista diante de ti, porque ti, ai!, a bendís e para sempre está bendita.

### Triunfos guerreiros de David

**18** [1]Despois disto, venceu David os filisteos e humillounos, arrebatándolles das mans Gat e as cidades da súa dependencia. [2]Venceu tamén os moabitas, que acabaron suxeitos a David, pagándolle un tributo. [3]Venceu tamén David a Hadadézer, rei de Sobah, no país de Hamat, cando este ía xa asentar o seu dominio sobre o Éufrates. [4]Tomoulle David mil carros, sete mil cabaleiros e vinte mil soldados de a pé; tronzoulle todos os cabalos de tiro, non conservando máis ca uns cen para si. [5]Viñeron os sirios de Damasco en socorro de Hadadézer, rei de Sobah e Damasco, e David derrotou a vinte mil sirios, [6]puxo tropas propias en Damasco, para que os sirios ficasen suxeitos a David, pagándolle tributos. Iavé protexía a David por onde queira que ía. [7]Tomou David os escudos de ouro que pertencían aos soldados de Hadadézer e levounos a Xerusalén. [8]Tamén se apoderou dunha gran cantidade de bronce en Tibhat e Cun, cidades de Hadadézer. Con el fixo máis tarde Salomón o "mar" de bronce, as columnas e os utensilios de bronce.

[9]Soubo Tou, rei de Habat, que David derrotara o exército de Hadadézer, rei de Sobah. [10]Entón mandoulle o seu fillo Doram a saudar e felicitar o rei David por atacar e vencer a Hadadézer, pois Tou estaba en loita con Hadadézer. [11]Mandoulle tamén toda sorte de copas de ouro, prata e bronce, que o rei David consagrou a Iavé, xunto co ouro e a prata que tomara a todas as nacións: a Edom, a Moab, aos amonitas, aos filisteos e a Amalec.

[12]Abixaí, fillo de Seruiah, venceu a dezaoito mil edomitas no val do Sal, [13]puxo tropas en Edom para que Edom ficase suxeito a David. Iavé protexía a David por onde queira que fose. [14]David reinou sobre Israel todo, facendo dereito e xustiza a todo o pobo. [15]Ioab, fillo de Seruiah, era xefe do exército; Ioxafat, fillo de Ahilud, era o cronista, [16]Sadoc, fillo de Ahitub, e Abimélec, fillo de Abiatar, eran sumos sacerdotes; Seraías era secretario; [17]Benaías, fillo de Iehoiadá, era xefe dos cereteos e peleteos; e os fillos de David eran os primeiros ao lado do rei.

**17**, 13 Vese aquí a estreita relación do mesianismo coa dinastía davídica. O Cronista omite 2 Sam **7**, 14.
**17**, 21 Texto escuro. A versión é conxectural.
**18** Con este c. comeza a parte dedicada ás vitorias de David (cc. **18-20**). Nel quérese mostrar a protección de Deus sobre o seu elixido. O texto base é 2 Sam **8**, 1-18.
**18**, 2 Importante omisión do Cronista respecto a 2 Sam **8**, 2.
**18**, 12 En 2 Sam **8**, 13 a morte dos oito mil homes aquí dezaoito mil atribúese a David.

### Vitoria sobre os amonitas

**19** [1]Despois disto morreu Nahax, rei dos
fillos de Amón, e sucedeuno no trono
o seu fillo. [2]David dixo: –Mostrareille a miña
bondade a Hanún, fillo de Nahax, pois seu
pai mostrouse benévolo comigo.

E envioulle unha embaixada para consolalo pola morte de seu pai. Pero cando os enviados de David chegaron á terra dos fillos de Amón e se presentaron a Hanún para consolalo, [3]os xefes dos fillos de Amón dixeron a Hanún: –Coidas que David che dá o pésame para honrar a memoria de teu pai? Non será máis ben que viñeron para recoñecer a cidade e explorar a terra para preparar a desfeita do país?

[4]Entón, Hanún, apresando os servos de David, rapounos e cortoulles os vestidos polo medio ata as nádegas, e logo despachounos. [5]Fóronse eles, e David, que soubo o que lles sucedera aos seus homes, mandou xentes que lles saísen ao camiño, pois estaban moi avergonzados. Dixéronlles: –Ficade en Iericó ata que vos medre a barba, e logo volvede.

[6]Os fillos de Amón viron que se fixeran odiosos a David, e Hanún e os fillos de Amón mandaron mil talentos de prata para contratar os carros e os cabaleiros de Mesopotamia, de Macah e de Sobah. [7]Tomaron a soldo trinta e dous mil carros e ao rei de Macah e ao seu pobo, que viñeron acampar diante de Medebá. [8]Ao recibir David estas novas, mandou contra eles a Ioab e a todo o exército, todos eles homes valentes. [9]Os fillos de Amón saíron e ordenáronse en batalla á entrada da cidade; os reis que viñeron para axudalos tomaron posición á parte no campo. [10]Ioab, vendo que tiña contra quen combater de fronte e polas costas, escolleu entre os máis valentes do exército de Israel un corpo para marchar contra os sirios, [11]e o resto do exército púxoo ás ordes de seu irmán Abixaí para facer fronte aos fillos de Amón, [12]dicíndolle: –Se os sirios son máis fortes ca min, acudirasme ti; se os fillos de Amón son máis fortes ca ti, irei eu na túa axuda. [13]Esfórzate e loitemos polo noso pobo e polas cidades do noso Deus, e faga Iavé o que mellor lle pareza.

[14]Avanzou Ioab cos seus para atacaren aos sirios, que fuxiron ante el, [15]e os fillos de Amón, cando viron que os sirios fuxiran, puxéronse tamén en fuga diante de Abixaí, irmán de Ioab, e encerráronse na cidade. Ioab volveu a Xerusalén.

[16]Vendo os sirios que foran derrotados por Israel, mandaron buscar os sirios do outro lado do Éufrates, que viñeron ao mando de Xofac, xefe do exército de Hadadézer. [17]Sóuboo David e reuniu a todo Israel, e, pasando o Xordán, marchou contra eles, alcanzounos e preparouse a atacalos. [18]Os sirios, despois de se bateren con el, fuxiron diante de Israel, e David matoulles sete mil homes de carros e corenta mil soldados de a pé. Matou tamén a Xofac, xefe do exército. [19]Os homes de Hadadézer, véndose derrotados por Israel, fixeron as paces con David e sometéronselle. Non volveron máis os sirios a socorrer aos fillos de Amón.

### Ioab toma Rabah

**20** [1]Ao cabo dun ano, polo tempo no que
os reis acostuman saír á guerra, Ioab,
ao mando dun gran exército, arrasou o país
dos amonitas e cercou Rabah. Mentres David seguía en Xerusalén, Ioab conquistaba e arrasaba Rabah. [2]David quitou a coroa da cabeza de Milcom. Pesaba un talento de ouro e tiña unha pedra preciosa que pasou á coroa de David. Saqueou a cidade e levou dela un gran botín. [3]Tamén sacou dela os habitantes e púxoos a serrar e a traballar coas grades e as fouces. O mesmo fixo con todas as cidades dos fillos de Amón. Volveu logo David con todo o pobo a Xerusalén.

[4]Despois disto tivo unha batalla en Guézer contra os filisteos. Foi entón cando Sibcai, husita, matou a Sipai, un dos descendentes de Rafá. Os filisteos quedaron sometidos. [5]Tamén houbo outra batalla cos filisteos, na que Elhanán, fillo de Iair, matou a un irmán de Goliat, Lahmí, de Gat, que levaba unha lanza coa punta coma unha agulla de tecedeira. [6]Houbo unha batalla máis en Gat, na que se atopou un xigante con seis dedos en cada man e cada pé, vinte e catro en total, e que procedía tamén da raza dos de Rafá. [7]Retou a Israel, e Ionatán, fillo de Ximí, irmán de David, matouno. [8]Estes homes eran fillos de Rafá, de Gat, e pereceron a mans de David e dos seus servos.

**19**, 7 Por motivos xeográficos, uns len Medebá e outros prefiren Marabbah.

**20** Aquí atopamos a omisión máis famosa do Cronista en relación con 2 Sam **11**, 1: o adulterio e homicidio de David. Desdiría da figura de David, un fiel servidor de Deus: por iso o autor non ten reparo ningún en omitir todo o feito.

**O censo do pobo**

**21** [1]Alzouse Satán contra Israel e incitou
a David a facer o censo de Israel. [2]David dixo a Ioab e aos xefes do pobo: –Ide facer o censo de Israel, desde Beerxeba ata Dan, e traédemo para que eu saiba o seu número.

[3]Ioab respondeu a David: –Oxalá fixera Iavé cen veces máis numeroso o seu pobo. Pero non, señor, non son todos servidores teus? Para que pide isto o meu señor? Para que facer unha cousa que será vista como pecado de Israel?

[4]O rei persistiu na orde que lle dera a Ioab, e Ioab partiu e percorreu todo Israel. [5]Cando volveu a Xerusalén, Ioab entregou a David o número do censo do pobo. Había en todo Israel un millón cen mil homes en condicións de levar armas, e en Xudá catrocentos setenta mil bos. [6]Entre eles non fixo o censo de Leví e Benxamín, porque Ioab aborrecía a orde do rei. [7]A orde desagradou a Deus e castigou a Israel. [8]Entón dixo David a Deus: –Cometín nisto un gran pecado. Pídoche que perdoes a iniquidade do teu servo, pois obrei coma un insensato.

[9]Iavé falou así a Gad, o vidente de David: [10]–Vai e dille a David: "Así fala Iavé: tres pragas che propoño para que elixas unha coa que ferirte".

[11]Gad viu a David e díxolle: –Así fala Iavé: "Escolle para ti: [12]tres anos de fame ou tres meses de derrota ante os teus inimigos, dándoche alcance a espada dos teus adversarios, ou tres días nos que a espada de Iavé e a peste estarán sobre o país, mentres o anxo de Iavé levará a destrución a todo o territorio de Israel". Dime, pois, o que teño que responder ao que me manda.

[13]David respondeu a Gad: –Véxome nun bo apuro, mais caia eu nas mans do Señor, que é grande en misericordia, e non caia nas mans dos homes.

[14]Mandou Iavé a peste sobre Israel e caeron setenta mil israelitas. [15]Deus mandou un anxo a Xerusalén para destruíla, e cando xa a estaba destruíndo, mirou o Señor e arrepentiuse daquel mal, e díxolle ao anxo destrutor: –Abonda, retira xa a túa man.

O anxo de Iavé estaba onda a eira de Ornán o iebuseo. [16]David alzou os ollos e viu o anxo de Iavé entre a terra e o ceo, tendo na súa man a espada desenvaiñada, volta contra Xerusalén. Entón David e os anciáns, vestidos de saco, caeron sobre os seus rostros. [17]David dixo a Deus: –Non fun eu quen mandou facer o censo do pobo? Fun eu quen pecou e fixo o mal; pero estas ovellas, que fixeron? Iavé, meu Deus!, carga a túa man sobre min e sobre a casa de meu pai e non haxa praga no teu pobo.

[18]O anxo de Iavé dixo a Gad que falase a David para que subise a levantar un altar na eira de Ornán, o iebuseo, [19]e subiu David, cumprindo a orde que Gad lle dera no nome do Señor. [20]Ornán, que estaba mallando no millo, volveuse e viu o anxo e escondeuse cos seus catro fillos. [21]Cando chegou David cerca de Ornán, mirou Ornán e viu a David, e saíndo da eira, prostrouse ante David co rostro en terra. [22]David dixo a Ornán: –Déixame o terreo da eira para que levante un altar a Iavé; pagareicho polo xusto prezo, para que se retire a praga sobre o pobo.

[23]Ornán respondeu a David: –Tómaa, e que o meu señor, o rei, faga nela o que lle pareza ben; mira, douche os bois para o holocausto, os mallos para a leña e o trigo para a ofrenda. Doucho todo.

[24]Pero o rei dixo a Ornán: –Non. Quero comprarcha polo seu valor en prata, pois non vou eu presentarlle ao Señor o que é teu, nin ofrecerlle un holocausto que non me custa nada.

[25]Deu David a Ornán seiscentos siclos de ouro polo lugar, [26]edificou alí un altar a Iavé e ofreceulle holocaustos e sacrificios de comuñón. Invocou a Iavé, e o Señor respondeulle co lume que do ceo descendeu sobre o altar do holocausto. [27]Entón falou Iavé ao anxo,

**21** O c. **21** abre a última sección do libro (cc. **21-29**), de capital importancia para o Cronista, xa que nela se narra a elección do lugar que máis tarde ocupará o templo (c. **21**), así como todo o relativo á súa edificación (c. **22**) e organización (cc. **23-27**). Importante tamén porque David, como novo Moisés, proclama rei a seu fillo Salomón, para que leve a feliz termo dita empresa (cc. **28-29**). A fonte inmediata do c. **21** é 2 Sam **24**, 1-25.

**21**, 1 O Cronista pon en Satán a orixe do mal desexo de David, non na "ira de Deus", como fai 2 Sam **24**, 1. O termo "Satán" significa literalmente adversario (cf Xob **1-2** e Zac **3**, 1) e o seu uso aquí é importante para o estudo da orixe do mal no A. T. A ausencia do artigo indica que se trata dun ser concreto cunha finalidade tamén concreta: insinuar a David que faga o censo.

**21**, 15 É un intermediario entre o ceo e a terra. É un anxo exterminador que recorda o do Éx **13**, 23 e o de 2 Re **19**, 35, pero que aquí executa a sentenza contra Israel. O anxo encóntrase situado na eira de Ornán, onde máis tarde se levantará o templo que, coma o anxo, tamén terá a misión de mediar entre Deus e o home.

**21**, 17 O Cronista acentúa a humildade e o arrepentimento de David, de modo que aínda no pecado, apareza como servo fiel do Señor.

**21**, 21-25 Cf Xén **23**; Rut **4**.

**21**, 26 Cf 1 Re **18**. O lume consagra o altar.

que volveu a espada ao seu sitio. [28]Vendo David que o Señor o escoitara na eira de Ornán, o iebuseo, sacrificaba alí, [29]pois o tabernáculo de Iavé, que Moisés fixera no deserto, e o altar dos holocaustos estaban entón á altura de Gabaón. [30]Pero David non puidera ir ante el para consultar a Deus, porque a espada do anxo de Iavé o encheu de medo.

**22** [1]E dixo David: –Esta será a casa de Iavé Deus e aquí estará o altar dos holocaustos para Israel.

**Preparativos para a construción do templo**

[2]Mandou David que se reunisen todos os estranxeiros que había na terra de Israel, e encargou aos canteiros que fosen preparando pedras labradas para a construción do templo de Deus. [3]Preparou tamén ferro abondo para facer os cravos e xuntas das portas, bronce en grandes cantidades, [4]e moita madeira de cedro, pois os sidonios e os tirios trouxeron abonda madeira de cedro para David. [5]David dicía para si: O meu fillo Salomón é aínda novo e inexperto, e o templo que se ten que edificar para o Señor ten que ser, pola grandeza, pola magnificencia e pola beleza, coñecido en toda a terra; por iso quero facer os preparativos. E fixo suficientes antes da súa morte.

[6]David chamou a Salomón, seu fillo, e deulle orde de edificar unha casa ao Señor, Deus de Israel. [7]Díxolle: –Meu fillo, eu tiña o propósito de edificar un templo no nome de Iavé, meu Deus; [8]pero o Señor díxome: "Ti derramaches moito sangue e fixeches grandes guerras. Non serás ti quen edifique un templo no meu nome, porque derramaches ante min moito sangue sobre a terra. [9]Velaí que che nacerá un fillo, que será home de paz e a quen eu darei paz, librándoo de todos os seus inimigos do arredor. O seu nome será Salomón, nos seus días eu concederei paz e tranquilidade a Israel. [10]El edificará un templo ao meu nome. Será para min un fillo e eu serei para el un pai, e afirmarei sempre o trono do seu reino en Israel". [11]Agora, pois, meu fillo, que o Señor sexa contigo, para que prosperes e edifiques o templo de Iavé, teu Deus, como el de ti declarou. [12]Queira darche o Señor a sabedoría e a intelixencia para reinar sobre Israel na observancia da lei de Iavé o teu Deus. [13]Se coidas de poñeres por obra os mandamentos e preceptos que o Señor lle mandou a Moisés para Israel, prosperarás. Esfórzate, logo, ten ánimos e non temas nin desmaies. [14]Eu cos meus esforzos reunín para o templo do Señor cen mil talentos de ouro, un millón de talentos de prata e unha gran cantidade de bronce e ferro. Dispuxen tamén madeira e pedra que ti acrecentarás. [15]Tes á man moitos obreiros, canteiros, carpinteiros e homes sabidos en toda clase de obras. [16]O ouro, a prata, o bronce e o ferro son de máis. Érguete, pois: comeza coa obra, e que o Señor sexa contigo.

[17]Mandou tamén David a todos os príncipes de Israel que prestasen a súa axuda a Salomón, seu fillo: [18]–Non está convosco Iavé, o voso Deus, e non nos deu El paz en todas partes? El puxo nas miñas mans os moradores da terra, e a terra está sometida ante Iavé e diante do seu pobo. [19]Poñede, pois, todo o voso corazón e o voso ánimo en buscar o Señor, o voso Deus; erguédevos e edificade o santuario de Iavé Deus, para traer a Arca da Alianza do Señor e os seus utensilios consagrados a Deus ao templo edificado no nome de Iavé.

**Organización dos levitas**

**23** [1]Vello xa David e colmado de días, fixo a Salomón, seu fillo, rei de Israel. [2]Reuniu a todos os príncipes de Israel, aos sacerdotes e aos levitas. [3]Fíxose o censo dos levitas de máis de trinta anos, e o seu número, contado un por un, foi de trinta e oito mil. [4]Deles vinte e catro mil dirixían as obras do templo de Iavé, e seis mil eran inspectores e xuíces; [5]catro mil, porteiros; e catro mil dedicados a loar o Señor con instrumentos feitos para iso por David.

[6]David distribuíunos en orde segundo os fillos de Leví, Guerxom, Quehat e Merarí.

[7]Fillos de Guerxom: Ladán e Ximí. [8]Fillos de Ladán: Iehiel, o primeiro; Zetam e Ioel; en

**21**, 29-30 Deus lexitima a elección do templo.

**22**, 1 O v. é altamente polémico e recorda Xén **28**, 17. David rexeita calquera outro lugar para o culto que non sexa Xerusalén. Na mente do Cronista o texto vai dirixido aos samaritanos, que dan culto ao Señor no Garizim.

**22**, 8 *Sangue*: en tempos do Cronista, a efusión de sangue imposibilitaba a calquera para o culto. Por iso David non pode construír o templo. A prescrición é serodia, propia dos círculos sacerdotais (cf Xén **9**, 4; Lev **1**, 5).

**22,** 13 O estilo é deuteronómico: Cf Dt **4**, 5. 8. 14; **11**, 32; **26**, 16.

**23** A organización do culto, tal como nos vén descrita nestes cc. (**23**-**27**), é a do tempo do autor, aínda que el lla atribúe a David. Con isto o cronista quere deixar ben claro que o culto celebrado na súa época é o culto lexítimo, xa que é a expresión da vontade de Deus revelada a David.

**23**, 1 O autor, resumindo 1 Re **1**, 1-21, non menciona a loita entre Adonías e Salomón para herdar o reino.

**23**, 3 O censo está en harmonía con Núm **4**, 3. 23. 30: por iso non contradí todo o lido no c. **21**.

total, tres. [9]Fillos de Ximí: Xelomit, Haziel e Harán, tres en total. Estes son os xefes das familias de Ladán. [10]Fillos de Ximí: Iaxat, Zizá, Ieús e Beriá, en total catro. [11]Estes catro son os fillos de Ximí. Iaxat era o primeiro e Zizá, o segundo. Ieús e Beriá non tiveron moitos fillos e formaron no censo unha soa casa paterna. [12]Fillos de Quehat: Amram, Ishar, Hebrón e Uziel, en total catro. [13]Fillos de Amram: Aharón e Moisés. Aharón foi elixido para servir no santo dos santos, el e seus fillos perpetuamente, para ofrecer os perfumes ante Iavé, para facer o seu ministerio e bendicir por sempre o seu nome.

[14]Os fillos de Moisés, home de Deus, foron contados na tribo de Leví. [15]Os fillos de Moisés foron Guerxom e Eliézer. [16]Xebuel foi o primoxénito de Guerxom. [17]Fillos de Eliézer: o primoxénito de Eliézer foi Rehabías. Eliézer non tivo máis fillos, pero Rehabías tivo moitos. [18]Fillos de Ishar: o primoxénito foi Xelomit. [19]Fillos de Hebrón: Ierías, o primoxénito; Amarías, o segundo; Uziel, o terceiro, e Iecamam, o cuarto. [20]Fillos de Uziel: Miqueas, o primoxénito; Ixías, o segundo.

[21]Fillos de Merarí: Mahlí e Muxí. Fillos de Mahlí: Elazar e Quix. [22]Elazar morreu sen fillos, pero deixou fillas, e os fillos de Quix, seus irmáns, tomáronas por mulleres. [23]Fillos de Muxí: Mahlí, Éder e Ieremot, tres en total. [24]Estes son os fillos de Leví segundo as familias dos seus pais, cabeza das casas paternas, segundo o censo feito contando por cabezas. Estaban dedicados ao ministerio do templo de Iavé desde os vinte anos cumpridos, [25]pois David dixo: –O Señor, Deus de Israel, deu acougo ao seu pobo Israel e habitará por sempre en Xerusalén, [26]e os levitas non terán xa que transportar o tabernáculo e todos os utensilios do seu servizo. [27]E así, conforme as derradeiras disposicións de David, fíxose o censo dos fillos de Leví desde os vinte anos en adiante.

[28]Postos baixo as ordes dos fillos de Aharón, para o servizo do templo do Señor, tiñan ao seu coidado os adros e as cámaras, a limpeza de todas as cousas santas e as obras do servizo do templo de Deus; [29]o pan da proposición, a flor da fariña para as ofrendas, as tortas de pan ácimo, as filloas frixidas na tixola e as cocidas, e todas as medidas de capacidade e lonxitude. [30]Tiñan que presentarse cada mañá e cada tarde para loar e celebrar a Iavé [31]e ofrecer continuamente os holocaustos ao Señor os sábados, os novilunios e as festas, segundo o número e os ritos prescritos. [32]Facían a garda da Tenda do Encontro ás ordes dos fillos de Aharón, seus irmáns, no servizo do templo do Señor.

### Organización dos sacerdotes

**24** [1]Velaquí as clases dos fillos de Aharón. Fillos de Aharón: Nadab, Abihú, Elazar e Itamar. [2]Nadab e Abihú morreron antes ca seu pai e non deixaron fillos. Elazar e Itamar cumpriron a función sacerdotal. [3]David, con Sadoc dos fillos de Elazar, e con Ahimélec dos fillos de Itamar, distribuíunos en quendas para o servizo. [4]Houbo entre os fillos de Elazar máis xefes ca entre os fillos de Itamar, e fíxose esta división: os fillos de Elazar tiñan dezaseis xefes de casas paternas, e os fillos de Itamar, oito. [5]Fíxose a distribución por sortes, uns cos outros, e foron xefes do santuario de Deus tanto os fillos de Elazar coma os fillos de Itamar.

[6]Semaías, fillo de Natanael, secretario da tribo de Leví, inscribiunos diante do rei e dos príncipes, diante de Sadoc, sacerdote, e de Ahimélec, fillo de Abiatar, e dos xefes de familias de sacerdotes e levitas, e íanse sacando por sortes dúas familias de Elazar e unha de Itamar. [7]A primeira sorte tocou a Iehoiarib; a segunda a Iedaías; [8]a terceira, a Harim; a cuarta, a Seorim; [9]a quinta, a Malaquías; a sexta, a Miiamín; [10]a sétima, a Hacós; a oitava a Abías; [11]a novena, a Iexúa; a décima, a Xecanías; [12]a undécima, a Eliaxib; a duodécima, a Iaquim; [13]a décimo terceira, a Hupah; a décimo cuarta, a Ixbaal; [14]a décimo quinta, a Bilgah; a décimo sexta, a Imer; [15]a décimo sétima a Hezir; a décimo oitava, a Hapisés; [16]a décimo novena, a Petahías; a vixésima, a Ezequiel; [17]a vixésimo primeira, a Iaquín; a vixésimo segunda, a Gamul; [18]a vixésimo terceira, a Delaías; a vixésimo cuarta, a Maazías.

[19]Así foron distribuídas para o seu ministerio, para que entrasen na casa do Señor ás ordes de Aharón, conforme os mandatos que lles dera Iavé, Deus de Israel.

**23**, 27 Este v. parece fóra de contexto. Parece máis lóxico colocalo despois do v. 24.
**24** O Cronista ofrécenos agora a lista dos xefes das vinte e catro clases sacerdotais con notables desacordos respecto a 1 Cro **9**, 10-12; Esd **2**, 36; Neh **9**, 1-8; **11**, 10-14; **12**, 1-7. 12-21.

**24**, 3 Exclúese da lista a Abiatar (cf 2 Sam **15**, 24-31), por ser desleal con David (cf 1 Cro **27**, 34).
**24**, 7 *Iehoiarib* é o antecesor dos Macabeos.
**24**, 19 O Cronista está interesado en facer ver como o ministerio do templo ten os seus raigaños en Aharón.

[20]Velaquí os xefes das outras familias dos
levitas: Xubael, dos fillos de Amram, e Iehdeías, dos fillos de Xubael. [21]Dos fillos de
Rehabías, o xefe era Ixías. [22]Dos isharitas,
Xelomot; dos fillos de Xelomot, Iaxat. [23]O
primoxénito dos descendentes de Hebrón
foi Ierías; o segundo, Amarías; o terceiro,
Iahziel; o cuarto, Iecamam. [24]Dos fillos de
Uziel foi Miqueas; e dos fillos de Miqueas,
Xamur. [25]Ixías era irmán de Miqueas, o xefe
da familia de Ixías era Zacarías.
[26]Os fillos de Merarí foron: Mahlí e Muxí.
Tamén era fillo seu Uzías, fillo seu Beno.
[27]Os descendentes de Merarí, por parte de
Uzías foron: Xoham, Zacur e Ibrí. [28]Por parte
de Mahlí, Elazar, que non tivo fillos, e Quix.
[29]Quix tivo un fillo chamado Ierahmel. [30]Os
fillos de Muxí foron: Mahlí, Éder e Ierimot.
Estes son os fillos de Leví segundo as súas
familias. [31]Tamén eles, coma os fillos de
Aharón, foron sorteados, tanto as familias
principais coma as máis pequenas, en presenza do rei David, de Sadoc, de Ahimélec e dos
cabezas de familia sacerdotais e levíticos.

### Organización dos cantores

**25** [1]David e os fillos do exército separaron
aos que de entre os fillos de Asaf, de
Hemán e de Iedutún tiñan que facer o oficio
de profetas, con cítaras, arpas e címbalos.
Esta é a relación dos homes encargados destes servizos. [2]Dos fillos de Asaf: Zacur, Xosé,
Netanías e Asarélah, baixo a dirección de
Asaf, que pola súa banda profetizaba baixo
a dirección do rei. [3]De Iedutún: os seus fillos: Guedalías, Serí, Isaías, Ximí, Haxabías,
Matitías, seis, baixo a dirección de seu pai,
Iedutún, que profetizaba coa cítara para loar
e glorificar a Iavé. [4]De Hemán: seus fillos,
Buquías, Matitías, Uziel, Xebuel, Ierimot,
Ananías, Hananí, Eliatah, Guidalti, Romantiézer, Ioxbecásah, Maloti, Hotir e Mahaziot.
[5]Todos estes eran fillos de Hemán, vidente do
rei, nas cousas de Deus, para exaltar o seu
poder. Deus dera a Hemán catorce fillos e
tres fillas. [6]Todos estes foron postos baixo a
dirección de seus pais para cantaren no templo de Iavé, tocando os címbalos, as arpas
e os salterios. Cumprindo os ministerios da
casa de Iavé, seguindo as instrucións do rei,
de Asaf, Iedutún e Hemán. [7]O seu número,
contando os seus irmáns, os que estaban instruídos no canto de Iavé todos eles entendidos, eran douscentos oitenta o oito.
[8]Foron sorteados en cada clase sen acepción de persoas, mozos e vellos, mestres e
discípulos. [9]O primeiro por sorte foi Xosé,
da casa de Asaf; e o segundo, Guedalías, por
el e polos seus fillos e irmáns, en número de
doce; [10]o terceiro, Zacur e os seus fillos e irmáns, en número de doce; [11]o cuarto, Isrí, cos
seus fillos e irmáns en número de doce; [12]o
quinto Netanías, cos seus fillos e irmáns en
número de doce; [13]o sexto, Buquías, cos seus
fillos e irmáns, en número de doce; [14]o sétimo, Asarélah, cos seus fillos e irmáns en número de doce; [15]o oitavo, Isaías, cos seus fillos e irmáns, en número de doce; [16]o noveno,
Matanías, cos seus fillos e irmáns en número
de doce; [17]o décimo, Ximí, cos seus fillos e
irmáns en número de doce; [18]o undécimo,
Azarel, cos seus fillos e irmáns en número
de doce; [19]o duodécimo, Axabías, cos seus fillos e irmáns en número de doce; [20]o décimo
terceiro Xubael, cos seus fillos e seus irmáns,
en número de doce; [21]o décimo cuarto, Matitías, cos seus fillos e seus irmáns en número
de doce; [22]o décimo quinto, Ierimot, cos seus
fillos e irmáns en número de doce; [23]o décimo sexto, Ananías, cos seus fillos e irmáns
en número de doce; [24]o décimo sétimo, Ioxbecásah, cos seus fillos e irmáns en número
de doce; [25]o décimo oitavo, Hananí, cos seus
fillos e irmáns en número de doce; [26]o décimo
noveno, Maloti, cos seus fillos e irmáns en
número de doce; [27]o vixésimo, Eliátah, cos
seus fillos e irmáns en número de doce; [28]o
vixésimo primeiro, Hotir, cos seus fillos e
irmáns en número de doce; [29]o vixésimo segundo, Guidalti, cos seus fillos e irmáns en
número de doce; [30]o vixésimo terceiro, Mahziot, cos seus fillos e irmáns en número de
doce; [31]o vixésimo cuarto, Romantiézer, cos
seus fillos e irmáns en número de doce.

**24**, 20-31 Esta listaxe atópase en contradición con **23**, 12-24.
**25** Este c. está estreitamente relacionado cos cc. **15-16**.
**25**, 1 O Cronista recoñécelle ao canto unha valía profética. Isto fai pensar que no seu tempo os cantores ocupaban o lugar dos profetas cultuais no período preexílico.
**25**, 4 Segundo R. de Vaux, os nomes dos fillos de Hemán, todos xuntos, forman un fragmento de salmo: "Piedade de min, Iahveh (chananjah), piedade de min (chanani). Meu Deus es ti (eliatah). Alegrádevos (guiddalti) e exultade (weromanti ézer). Porque xacendo na miseria (josbeqasah) dixen (malloti): dá sinais claras na abundancia (hotir machaziot)".
**25**, 5 *Para exaltar o seu poder*: lit. "o corno".
**25**, 8 *Mestre... discípulos*. Expresión semítica que, tocando os extremos, indica totalidade.

### Distribución dos porteiros

**26** [1]Tamén foron distribuídos os gardas das portas. Dos corahitas, Meselemías, fillo de Coré, descendente de Abiasaf. [2]Fillos de Mexelemías: Zacarías, o primoxénito; Iediel, o segundo; Zebadías, o terceiro; Iatniel, o cuarto; [3]Elam, o quinto; Iohanán, o sexto; Elioenai, o sétimo.

[4]Fillos de Obededom: Semaías, o primoxénito; Iozabad, o segundo; Ioah, o terceiro; Sacar, o cuarto; Natanael, o quinto; [5]Amiel, o sexto; Isacar, o sétimo; Peuletai, o oitavo; pois Deus bendicira a Obededom. [6]A Semaías, o seu fillo, nacéronlle fillos que prevaleceron na casa de seu pai e eran homes fortes. [7]Fillos de Semaías: Otní, Rafael, Obed, Elzabad, e seus irmáns, homes fortes, Elihú e Semaquías. [8]Todos estes eran fillos de Obededom. Eles, os seus fillos e seus irmáns, foron homes vigorosos e de moita forza para o servizo. En total eran sesenta e dous. [9]Os fillos e os irmáns de Mexelemías, homes tamén fortes, eran dezaoito en total. [10]Os fillos de Merarí foron: Hosah, que tivo por fillos a Ximrí, o xefe (feito xefe por seu pai a pesar de non ser o primoxénito); [11]Hilquías, o segundo; Tebalías, o terceiro; Zacarías, o cuarto. Os fillos e os irmáns de Hosah eran trece en total.

[12]A este grupo de porteiros, aos xefes deles e a seus irmáns, foi encomendada a garda para o servizo de templo. [13]Foron sorteados para cada porta, pequenos e grandes, segundo as súas casas paternas. [14]Tocoulle por sorte a Xelemías o lado de oriente. Botouse a sorte para Zacarías, o seu fillo, que era un prudente conselleiro, e tocoulle o lado do mediodía. [15]A Obededom e aos seus fillos tocoulles o sur, onde tamén estaban as despensas. [16]A Hosah tocoulle o lado do occidente, á parte de Xaléquet, que sae á rúa en costa. Estes corpos de garda correspondíanse uns cos outros. [17]A porta de oriente estaba gardada por seis levitas, e a do norte por catro, que se renovaban todos os días. Na porta de mediodía había tamén catro por día. Outros catro servían, de dous en dous, nas despensas. [18]Onda o pórtico, a occidente, había catro na rúa e dous no pórtico. [19]Deste modo foron distribuídos os porteiros, que eran todos fillos de Coré e de Merarí.

### Outras funcións dos levitas

[20]Os levitas, seus irmáns, tiñan ao seu cargo os tesouros do templo e os obxectos sagrados.

[21]Os fillos de Ladán, que por Ladán eran descendentes de Guerxom, tiñan aos guerxonitas por xefes das casas paternas de Ladán, guerxonita. [22]Os fillos de Iehielí, Zetan e Ioel, seu irmán, gardaban os tesouros do templo. [23]De entre os amramitas, isharitas, hebronitas e uzielitas, [24]Xebuel, fillo de Guerxom, fillo de Moisés, era intendente do tesouro. [25]Os seus irmáns, descendentes de Eliézer, eran: Rehabías, Isaías, Ioram, Zicrí, Xelomit. [26]Este, Xelomit, e seus irmáns, gardaban os tesouros das cousas santas que foran consagradas polo rei David (cos xefes das casas paternas, os xefes de millares e de centenas, e cos xefes do exército), [27]que facían parte do botín de guerra e dos espolios para o templo.

[28]Tamén gardaban todo o que fora consagrado por Samuel, o vidente; por Xaúl, fillo de Quix; por Abner, fillo de Ner; por Ioab, fillo de Seruiah. Todas as cousas consagradas estaban baixo a custodia de Xelomit e de seus irmáns.

[29]De entre os isharitas, Ieconías e seus irmáns exerceron funcións alleas ao templo, como oficiais e xuíces de Israel. [30]De entre os hebronitas, Haxabías e seus irmáns, homes valentes (mil setecentos en total) gobernaban aos israelitas do lado de alá do Xordán, na súa parte occidental, tanto no tocante a Iavé, coma no que se refire ao servizo do rei. [31]Polo que fai aos hebronitas, dos que era xefe Ierías, fixéronse, o ano corenta do reinado de David, investigacións segundo as súas xenealoxías e as súas casas paternas, e atopáronse entre eles homes valentes en Iazer de Galaad. [32]Seus irmáns, homes valentes, foron dúas mil setecentas cabezas das casas patriarcais. E o rei David encargoulles a administración dos rubenitas, gaditas e da media tribo de Menaxés para todas as cousas de Deus e os asuntos do rei.

**26** Este c. completa o elenco do persoal do templo. Contén as listas e funcións dos porteiros. Deste xeito o Cronista insiste sobre o carácter sacro de toda a vida.
**26**, 4 *Obededom*: cf 2 Sam **6**, 10-11.
**26**, 7 O servizo do templo é comparado co servizo militar (cf **24**, 4).
**26**, 12ss O autor non describe tanto o templo salomónico canto o de Zerubabel.
**26**, 29 Refírese ás funcións externas dos levitas sen que por iso ditas funcións fosen consideradas profanas (cf Ez **40**, 17-31; **44**, 1). A tradución é conxectural.

### Os xefes do exército

**27** [1]Os fillos de Israel, segundo o seu número: as cabezas de familia, os xefes e oficiais e os seus inspectores que estaban ao servizo do rei en todo o que atinxía ás divisións que entraban e saían de servizo cada mes, todos os meses do ano, compuñan por cada división vinte e catro mil homes. [2]Ao mando da primeira división, a do primeiro mes, estaba Iaxobam, fillo de Zabdiel, con vinte e catro mil homes. [3]Era dos fillos de Peres, e mandaba a todos os xefes da tropa do primeiro mes. [4]Ao mando da división do segundo mes estaba Elazar, fillo de Dodai, ahohita, que tiña baixo el a Miclot, que mandaba unha parte desta tropa, que era de vinte e catro mil homes. [5]O xefe da terceira división, a do terceiro mes, era Benaías, fillo de Iehoiadá, sacerdote. Tamén tiña ao seu mando vinte e catro mil homes.

[6]Benaías era o máis valente dos trinta e superábaos a todos. Seu fillo, Amizabah, era un dos xefes da súa división. [7]O cuarto xefe, para as tropas do cuarto mes, era Asahel, irmán de Ioab; e Zebadías, seu fillo, despois del. O número da súa tropa era de vinte e catro mil.

[8]O quinto xefe, para o mes quinto, era Xamot, o zerahita, e a súa tropa era de vinte e catro mil. [9]O sexto, para o sexto mes, era Irá, fillo de Iquex, de Tecoa, e tiña na súa tropa vinte e catro mil. [10]O sétimo, para o sétimo mes, era Heles, de Pelón, da tribo de Efraím; a súa tropa era de vinte e catro mil homes. [11]O oitavo, para o oitavo mes, era Sibcai, de Huxat, da liñaxe de Zarhí, que tiña baixo el vinte e catro mil homes. [12]O noveno, para o noveno mes, era Abiézer, de Anatot, dos fillos de Benxamín, que mandaba vinte e catro mil homes.

[13]O décimo, para o décimo mes, era Mahrai, de Netofah, descendente de Zarhí. Tiña baixo si vinte e catro mil homes. [14]O undécimo, para o undécimo mes, era Benaías de Piratón, descendente de Efraím, con vinte e catro mil homes. [15]O duodécimo, para o duodécimo mes, era Heldai, de Netofah, descendente de Otoniel, e a súa sección era de vinte e catro mil homes.

[16]Estes eran os xefes das doce tribos de Israel: na de Rubén, Eliézer, fillo de Zicrí; na de Simeón, Xefatías, fillo de Mascah; [17]na de Leví, Haxabías, fillo de Quemuel; na de Aharón, Sadoc; [18]na de Xudá, Eliab, irmán de David; na de Isacar, Omrí, fillo de Micael; [19]na de Zebulón, Ixmaías, fillo de Abdías; na de Naftalí, Ierimot, fillo de Azriel; [20]na de Efraím, Oseas, fillo de Azarías; [21]na media tribo de Menaxés, Ioel, fillo de Pedaías; na outra media tribo de Menaxés, en Galaad, Idó, fillo de Zacarías; na de Benxamín, Iasiel, fillo de Abner; [22]na de Dan, Azarel, fillo de Ieroham. Estes eran os xefes das doce tribos de Israel.

[23]David non quixo contar os que estaban por debaixo dos vinte anos, porque Iavé lle dixera que multiplicaría a Israel coma as estrelas do ceo.

[24]Ioab, fillo de Seruiah comezara a facer o censo, pero non o acabou porque isto trouxo a ira de Iavé sobre Israel, e por iso o número dos que foran contados non está escrito nas crónicas de David.

[25]Azmáret, fillo de Adieh, tiña ao seu cargo o tesouro do rei; Ionatán, fillo de Uzías, os almacéns do campo, das cidades, e das torres. [26]Ezrí, fillo de Quelub, gobernaba os obreiros do campo, que labraban as terras, [27]Ximí, de Ramah, estaba á fronte das viñas; Zabdí de Xefam, das adegas; [28]Baalhanán de Guéder das provisións de aceite e dos figueirais da Xefelah. Ioax, dos depósitos de aceite; [29]Xitrai, de Xarón, do gando vacún que pacía en Xarón; Xafat, fillo de Adlai, do gando vacún que pacía nos vales. [30]Obil, ismaelita, estaba encargado dos camelos e Iehdías de Meronoh dos asnos; [31]Iaziz, ahguerita, das ovellas. Todos estes eran intendentes da facenda de David. [32]Ionatán, tío de David, home de sentido e de saber, era conselleiro. El e Iehiel, fillo de Iacmoní, era mordomo dos fillos do rei. [33]Ahitófel era conselleiro do rei; Huxai, arquita, era amigo do rei. [34]Ademais de Ahitófel, eran conselleiros Iehoiadá, fillo de Benaías, e Abiatar. Ioab era o xefe supremo do exército do rei.

**27** Este c. trata da organización militar e civil do reino de David. Aínda que non ten relación directa cos capítulos **24-26**, o Cronista fala aquí desta organización porque olla todo baixo unha óptica relixiosa e en función do templo. As cifras son esaxeradas, para demostrar a grandeza do reino davídico. As fontes máis próximas atopámolas en 2 Sam **23**, 8-39.

**27**, 16-22 A lista de tribos presenta un carácter artificial. Faltan as de Gad e Axer e aparece Aharón facendo tribo á parte.

**27**, 23-24 Este v. está en contradición co c. **21**. O censo aparece como obra de Ioab; talvez para explicalo dáse unha lista parcial dos cantores. Algúns ven nestes vv. unha glosa.

**27**, 25-31 Esta lista semella estar feita sobre o modelo de 2 Sam **8**, 16-17 e 1 Re **4**, 2-3.

**27**, 34 Abiatar tomou partido por Adonías, polo que foi substituído por Salomón (1 Sam **22**, 20-21). O cronista non o nomea como sumo sacerdote por ollar en Sadoc o único garante do culto verdadeiro.

### Disposicións de David para a edificación do templo

**28** [1]David convocou en Xerusalén a todos os xefes de Israel: aos xefes das tribos, aos xefes das divisións ao servizo do rei, aos xefes, xenerais e oficiais, aos intendentes da facenda e do gando do rei, a seus fillos, aos eunucos, aos heroes e a todos os homes de valer.

[2]David, poñéndose en pé, dixo: –Oídeme, meus irmáns e pobo meu: eu tiña o propósito de edificar un templo onde repousase a Arca da Alianza do Señor, unha casa que lle servise de tallo para os pés do noso Deus, e xa fixera preparativos para isto, [3]pero Deus díxome: "Ti non edificarás casa ao meu Nome, porque es home de guerra e derramaches moito sangue". [4]O Señor, Deus de Israel, elixiume de toda a casa de meu pai para que fose rei de Israel para sempre. De feito, escolleu a Xudá por caudillo, e da casa de Xudá, á familia de meu pai, e de entre os fillos de meu pai, compraceuse en min para facerme rei de todo Israel. [5]De todos os meus fillos, pois deume Iavé moitos, elixiu a Salomón para se sentar no trono do Señor en Israel. [6]E díxome: "Teu fillo Salomón edificará o meu templo e os meus adros, porque o elixín por fillo e serei para el un pai. [7]Eu afirmarei o seu reino para sempre se el se esforza en cumprir os meus mandamentos e os meus estatutos, como os cumpre hoxe". [8]Agora, pois, ante todo Israel, congregación de Iavé, ante o noso Señor, que nos oe, gardade e observade todos os mandamentos do Señor, o noso Deus, para que teñades esta boa terra e a deixedes en herdade aos vosos fillos a perpetuidade.

[9]E ti, Salomón, meu fillo, coñece ao Deus de teu pai e sírveo con corazón perfecto e ánimo xeneroso; porque o Señor esculca os corazóns de todos e penetra todos os pensamentos. Se ti o buscas, atoparalo, pero se o abandonas, refugarate para sempre. [10]Mira que o Señor te elixiu para edificar un templo que sexa o seu santuario. Esfórzate e faino.

[11]Entregou David ao seu fillo o trazado do pórtico e as súas dependencias e oficinas, das salas, das cámaras e do lugar para o propiciatorio. [12]Así mesmo, o trazado de canto el quería facer para os adrais do templo do Señor, para as cámaras de arredor, para os tesouros da casa de Iavé e para as cousas consagradas. [13]Así mesmo, no tocante ás clases dos sacerdotes, dos levitas e do exercicio do servizo da casa de Iavé, como tamén de todos os obxectos para o servizo da casa de Iavé. [14]No tocante ao ouro, o peso de ouro para cada un dos obxectos de cada clase de servizo; e tamén a prata, segundo o peso que correspondía a cada un dos obxectos de cada clase de servizo; [15]así mesmo, o peso dos candeeiros de ouro e as súas lámpadas de ouro, e para os candeeiros de prata, segundo o peso de cada candeeiro e das súas lámpadas, conforme ao servizo de cada candeeiro; [16]o peso de ouro para as ringleiras de pan, para cada mesa, e a prata para as mesas de prata; [17]ouro puro para os garfos, os caldeiros e as xerras; e así mesmo, o correspondente para as copas de ouro segundo o peso de cada copa, e para as copas de prata, segundo o peso de cada copa; [18]para o altar do incenso, ouro depurado, segundo o peso; así mesmo, o modelo da carruaxe e dos querubíns que estenden as ás e cobren a Arca da Alianza de Iavé. [19]Todo isto, conforme ao que escribira Iavé da súa man para facer entender todos os detalles do deseño.

[20]E dixo David ao seu fillo Salomón: –Sé forte e ten valor! Mans á obra! Non teñas medo, nin esmorezas, porque Iavé Deus, o meu Deus, está ao teu carón. Non te deixará só, nin te abandonará, ata que remates toda a obra para o servizo da casa de Iavé. [21]Aí tes as clases dos sacerdotes e dos levitas para todo o servizo da casa de Deus; estarán á túa beira para cada clase de obra. Todos os homes de boa vontade e destros para calquera clase de servizo, e os xefes do pobo enteiro, están ás túas ordes.

### Donativos para o templo

**29** [1]Despois dixo David a toda a asemblea: –Só a Salomón, meu fillo, elixiu Deus; é novo e de pouca idade, en alma é grande, porque non se trata de levantar unha casiña, senón un templo para Iavé Deus. [2]Eu, con todo o meu esforzo, preparei as cousas para o templo de Deus: ouro para os obxectos de

**28** Este c. ten estreita relación co c. **29**. A man do Cronista aparece clara ao esquecer as fraquezas de David e as polémicas da sucesión (cf 1 Re **1**, 1-11). O autor puido inspirarse en Éx **25-31**. **35-40**; 1 Re **8**; Ez **1**, 40-48. Unha vez máis aparece clara a perspectiva desde a que o Cronista escribe a historia de David: preparar a construción do templo; así como o ideal teocrático: só o Señor é rei.
**28**, 1 Aquí o autor empalma con **23**, 2.
**28**, 4 O rei, a pesar de ser chamado fillo de Deus, permanece coma un home, un máis do pobo. O estado é fundamentalmente teocrático (v. 5).
**28**, 9 Léase á luz de Xer **7**, 26.
**28**, 11-19 Segundo as antigas crenzas, o templo terreo é imaxe do celestial, por iso só Deus pode dar ordes de como se ten que construír (vv. 12. 19; Éx **25**, 9).
**28**, 20-21 A linguaxe é deuteronómica (cf Xos **1**, 9).

ouro, prata para os de prata, bronce para os de bronce, ferro para os de ferro, madeira para os de madeira, pedras de ónix, pedras de engaste, xemas coloreadas, pedras para os mosaicos, todo tipo de pedras preciosas e alabastro en gran cantidade. [3]E ademais coa devoción que sinto polo templo do Señor, gardo no meu tesouro particular ouro e prata, ademais do preparado para a casa do meu Deus: [4]tres mil talentos de ouro de Ofir, e sete mil talentos de prata fina para recubrir as paredes da casa. [5]Ouro para as cousas de ouro; prata para as cousas de prata, para todas as obras de ourivaría. Quen máis quere facer ofrenda ao Señor?

[6]Entón todos os xefes das familias, os príncipes das tribos de Israel, os xefes, os oficiais e os intendentes da facenda real ofreceron voluntariamente as súas ofrendas, [7]dando para a obra do templo cinco mil talentos de ouro e dez mil dáricos, dez mil talentos de prata, dezaoito mil talentos de bronce e cen mil talentos de ferro. [8]E todos os que tiñan pedras preciosas, déronas para o tesouro do templo, entregándoas a Iehiel, guerxonita. [9]Gozouse o pobo de ter contribuído voluntariamente coas súas ofrendas, porque con enteiro corazón llas facían ao Señor, e o rei David tivo grande alegría disto.

**Oración de David**

[10]David bendiciu ao Señor, con toda a asemblea, dicindo:

–Bendito ti, oh Iavé, Deus de Israel!, noso pai de século en século. [11]Túa é, Señor, a maxestade, o poder, a gloria e a vitoria; túa a honra, e teu todo canto hai na terra e nos ceos. Teu, oh Iavé!, é o reino; ti levántaste soberanamente sobre todo. [12]Túas son as riquezas e a gloria, ti es o dono de todo. Na túa man está a forza e o poderío. É a túa man quen todo o engrandece. [13]Por iso, Deus noso, nós confesamos e loamos o teu glorioso Nome. [14]Porque, quen son eu e quen é o meu pobo para que poidamos facer estas ofrendas voluntarias? Todo vén de ti, e o que voluntariamente che ofrecemos de ti recibímolo. [15]Somos ante ti estranxeiros e adventicios, como foron os nosos pais. Son coma a sombra os nosos días sobre a terra, e non dan esperanza. [16]Oh Señor, noso Deus!, todos estes bens que para edificar o templo ao teu santo nome che ofrecemos, son teus, da túa man recibímolos. [17]Eu sei, meu Deus, que ti espreitas o corazón e que amas a rectitude; por iso fixenche todas as miñas ofrendas voluntarias na rectitude do meu corazón, e vexo agora con ledicia que todo o teu pobo, que está aquí, che ofrece voluntariamente os seus dons. [18]Iavé, Deus de Abraham, de Isaac e de Israel, de nosos pais, conserva para sempre no corazón do teu pobo esta vontade e estes pensamentos, e encamiña a ti o seu corazón. [19]Dá así mesmo ao meu fillo Salomón un corazón perfecto para que garde todos os teus mandamentos, as túas leis e os teus mandatos, e que poña todos por obra, e que che edifique un templo para o que eu fixen preparativos.

[20]Logo dixo David a toda a asemblea: –Bendicide agora a Iavé, o voso Deus.

E toda a asemblea bendiciu ao Señor, Deus de seus pais, e, prostrándose, oraron ante o Señor perante o rei. [21]Sacrificaron vítimas a Iavé, e ao día seguinte ofreceron holocaustos ao Señor: mil xatos, mil carneiros, mil años coas súas libacións e moitos sacrificios por todo Israel; [22]comeron e beberon ante Iavé aquel día de gozo. Fixeron por segunda vez a investidura do reino de Salomón, fillo de David, e unxírono rei ante o Señor e Sadoc, o sacerdote. [23]Sentou Salomón como rei no trono de Iavé, no sitio de David, seu pai; e prosperou, obedecéndolle todo Israel. [24]Todos os xefes e os valentes e todos os fillos do rei David prestaron homenaxe ao rei Salomón, [25]a quen Iavé engrandeceu en extremo aos ollos de todo Israel, dándolle un reinado glorioso, como ningún rei o tivo antes del en Israel.

**Morte de David**

[26]Así reinou David, fillo de Ixaí, sobre todo Israel. [27]Reinou corenta anos sobre Israel, sete en Hebrón e trinta e tres en Xerusalén. [28]Morreu en boa vellez, colmado de días, de riquezas, de gloria. Sucedeuno Salomón, seu fillo.

[29]Os feitos do rei David, os primeiros e os derradeiros, están escritos no libro de Samuel, vidente, e nas crónicas de Natán, profeta, e nas de Gad, vidente, [30]con todo o seu reinado, as súas fazañas e os sucesos do seu tempo que pasaron en Israel e nos reinos daquelas terras.

**29**, 10-19 A pregaria de David é moi fermosa. Nela exprésanse sentimentos tales como: acción de grazas, soberanía de Deus, brevidade da vida humana, confianza nas promesas de Deus.

**29**, 15 Cf Sal **39**, 13.

**29**, 26s De novo David aparece como rei de todo Israel, aínda que na realidade, segundo 2 Sam **5**, 5, en Hebrón só reinou sobre Xudá.

# LIBRO SEGUNDO DAS CRÓNICAS

### Visión de Salomón

**1** [1]Salomón, fillo de David, afianzouse no seu reino; Iavé, o seu Deus, estaba con el e fixoo extraordinariamente grande. [2]Salomón falou con todo Israel, con xefes de millar e de cen, con xuíces e con todos os xefes de Israel, cabezas das casas paternas. [3]Despois Salomón foi con toda a asemblea ao alto de Gabaón, porque alí se atopaba a Tenda do Encontro de Deus, que Moisés, servo de Iavé, fixera no deserto. [4]En canto á Arca de Deus, David leváraa de Quiriat Iearim ao lugar preparado para ela, pois erguéralle unha tenda en Xerusalén. [5]O altar de bronce que fixera Besalel, fillo de Urí, fillo de Hur, estaba tamén alí diante, na morada de Iavé. Foron, pois, Salomón e a asemblea consultalo. [6]Subiu Salomón alí, ao altar de bronce que estaba ante Iavé, onda a Tenda do Encontro, e ofreceu sobre el mil holocaustos.

[7]Aquela noite aparecéuselle Deus a Salomón e díxolle: –Pídeme o que queres que che dea.

[8]Salomón respondeulle a Deus: –Ti tiveches grande amor por meu pai David e a min fixéchesme rei no seu lugar. [9]Agora, pois, oh Iavé Deus, que se cumpra a promesa que lle fixeches a meu pai David, xa que ti me fixeches rei sobre un pobo numeroso coma o po da terra. [10]Dáme, logo, agora, sabedoría e intelixencia, para que me saiba conducir ante este pobo teu, tan grande.

[11]Respondeulle Deus a Salomón: –Xa que pensas isto no teu corazón, e non pediches riquezas, nin bens, nin gloria, nin a morte dos teus inimigos, nin tampouco pediches longa vida, senón que pediches para ti sabedoría e intelixencia para saber xulgar o meu pobo, de quen te fixen rei, [12]por iso sonche dadas a sabedoría e o entendemento, e ademais dareiche riquezas, bens e gloria como non as tiveron os reis que houbo antes de ti nin as terá ningún dos que veñan despois de ti.

[13]Salomón regresou a Xerusalén desde o alto de Gabaón, de diante da Tenda do Encontro, e reinou sobre Israel. [14]Salomón reuniu carros e cabalos e tivo mil catrocentos carros e doce mil cabalos que levou ás cidades dos carros e onda o rei de Xerusalén. [15]Fixo o rei que a prata e o ouro fosen tan abondosos en Xerusalén coma as pedras e os cedros, coma os sicómoros da Terra Baixa. [16]Os cabalos de Salomón eran de Musur e de Cilicia; os mercadores do rei adquiríanos en Cilicia e pagábanos ao contado. [17]Traían de Exipto un carro por seiscentos siclos de prata e un cabalo por cento cincuenta. Traíanos tamén como intermediarios para todos os reis dos hititas e todos os reis de Aram. [18]Decidiu, pois, Salomón, edificar unha casa ao nome de Iavé e un palacio para si.

### Preparativos para edificar o templo

**2** [1]Salomón sinalou setenta mil homes para transportar cargas, oitenta mil canteiros no monte e tres mil seiscentos capataces para eles.

[2]Salomón mandou dicirlle a Hiram, rei de Tiro: –Fai comigo como fixeches con meu pai David, enviándolle madeiras de cedro para que construíse un palacio en que habitar. [3]Fágoche saber que vou edificar un templo ao Nome de Iavé, o meu Deus, para consagralo, para queimar ante el incenso aromático, para a ofrenda perpetua dos pans presentados, e para os holocaustos matutinos e vespertinos dos sábados, lúas novas e solemnidades do Señor, o noso Deus, como se fai sempre en Israel. [4]O templo que vou edificar será grande, porque o noso Deus é maior ca todos os deuses. [5]Pero quen será home a construírlle un templo, cando os ceos e os ceos dos ceos

**1** Os cc. **1-9** están todos eles dedicados a Salomón que, como anteriormente David, aparece idealizado. Para escribir a historia salomónica, o Cronista sérvese, como fonte, de 1 Re **1-11**, trocando todo aquilo que non está de acordo coa súa teoloxía.

**1**, 1-3 A visita de Salomón a Gabaón é para o Cronista unha peregrinación de estado, na que participan os xefes do pobo.

É importante a omisión que o autor fai do culto idolátrico practicado polo rei (cf 1 Re **3**, 3-4).

**1**, 4-6 O Cronista explica o porqué do culto en Gabaón e, ao mesmo tempo, conecta o novo culto co de Moisés.

**1**, 7 Deus non fala con Salomón a través do soño (cf 1 Re **3**, 5-15), senón directamente. O paralelismo con Moisés salta á vista.

**1**, 12 O Cronista subliña o don da sabedoría concedido a Salomón. A expresión principal deste don manifestarase na construción do templo. Son importantes, a este respecto, as omisións que fai en relación con 1 Re **3**, 16 e **5**, 14.

**2**, 1 Diferenzas numéricas e literarias en relación á fonte de 1 Re **5**, 29-30.

**2**, 3 Cf Éx **25** e **30**. O templo, en principio, era só o lugar dos sacrificios. Máis tarde será tamén "casa de oración".

**2**, 5 O Cronista intenta salvar a transcendencia divina e a finalidade do templo; tras a súa cortina habitaba Deus.

non o poden conter? E quen son eu para edificarlle un templo aínda que só estea destinado a queimar incenso na súa presenza? [6]Manda, logo, un home destro en traballar o ouro, a prata, o bronce, o ferro, a púrpura escarlata, o carmesí, a púrpura violeta e que saiba gravar; estará cos expertos que teño comigo en Xerusalén e en Xudá, e que meu pai David xa preparara. [7]Manda tamén madeira de cedro, de ciprés e sándalo de Líbano; pois ben sei que os teus servos saben cortar as árbores do Líbano. E os meus servos traballarán cos teus servos [8]para prepararme madeira en abundancia, pois o templo que vou edificar debe ser grande e marabilloso. [9]Darei para o sustento dos teus servos, os cortadores das árbores, vinte mil cargas de trigo, vinte mil cargas de cebada, vinte mil medidas de viño e vinte mil medidas de aceite.

[10]Hiram, rei de Tiro, respondeu nunha carta que lle remitiu ao rei Salomón: "Polo amor que lle ten Iavé ao seu pobo fixoche rei sobre eles". [11]E engadía Hiram: "Bendito sexa Iavé, o Deus de Israel, facedor do ceo e da terra, que lle deu ao rei David un fillo sabio, prudente e intelixente, que lle edificará un templo ao Señor, e un palacio real para si. [12]Mándoche, pois, agora a Hiramabí, home hábil, dotado de intelixencia; [13]é fillo dunha danita e seu pai é de Tiro. Sabe traballar o ouro, a prata, o bronce, o ferro, a pedra e a madeira, a púrpura escarlata, a púrpura violeta, o liño fino e o carmesí. Sabe tamén executar calquera obra que se lle propoña, traballará a unha cos teus artífices e cos artífices do meu señor David, teu pai. [14]Mándalles, pois, aos teus servos o trigo, a cebada, o aceite e o viño do que falou o meu señor, [15]e polo nosa banda cortaremos do Líbano toda a madeira que che cumpra e levarémoscha en balsas, por mar, deica Iope, e logo ti mandarás que a suban a Xerusalén".

[16]Salomón fixo o censo de todos os forasteiros residentes en Israel, tomando por modelo o censo que fixera seu pai David. E atopouse que eran cento cincuenta e tres mil seiscentos. Deles destinou setenta mil para o transporte de cargas, oitenta mil para as canteiras nas montañas e tres mil seiscentos como capataces para facer traballar a xente.

### Construción do templo

**3** [1]Comezou, pois, Salomón a edificar o templo de Iavé en Xerusalén, no monte Moriah, onde se manifestara Deus a seu pai David, no lugar onde David fixera os preparativos, na eira de Ornán o iebuseo. [2]Comezaron as obras o segundo mes do cuarto ano do seu reinado. [3]Este é o plano sobre o que Salomón edificou o templo de Deus: setenta cóbados de lonxitude, en cóbados de medida antiga, e vinte cóbados de anchura. [4]O vestíbulo que estaba diante da nave do templo tiña unha lonxitude de vinte cóbados correspondente ao ancho do templo, e unha altura de cento vinte. Salomón recubriuno por dentro de ouro puro. [5]Revestiu a sala grande de madeira de ciprés e recubriuna de ouro fino, facendo esculpir nela palmas e cadeíñas. [6]Para adornar o templo revestiuno tamén de pedras preciosas; o ouro era ouro de Parvaím. [7]Recubriu de ouro o templo, as trabes, os limiares, as súas paredes, e as súas portas, e esculpiu querubíns nas paredes.

[8]Construíu tamén a sala do Santo dos Santos, cunha lonxitude correspondente ao ancho do templo, que era de vinte cóbados. Revestiuno de ouro puro, que pesaba seiscentos talentos. [9]Os cravos de ouro pesaban cincuenta siclos. Cubriu tamén de ouro as salas altas. [10]No interior da sala do Santo dos Santos fixo dous querubíns, de obra esculpida, que revestiu de ouro. [11]As ás dos querubíns tiñan vinte cóbados de longo. Unha á era de cinco cóbados e tocaba a parede da sala; a outra á tiña tamén cinco cóbados e tocaba a á do outro querubín. [12]A á do segundo querubín era de cinco cóbados e tocaba coa á do primeiro querubín. [13]As ás despregadas destes querubíns medían vinte cóbados. Estaban de pé, e coas súas facianas voltas cara á sala.

[14]Fixo tamén o veo de púrpura violeta, púrpura escarlata, carmesí e liño fino no que fixo bordar querubíns.

[15]Diante da sala fixo dúas columnas de trinta e cinco cóbados de alto. O capitel que as coroaba tiña cinco cóbados de alto. [16]No *Debir* fixo cadeíñas e colocounas sobre o remate das columnas; fixo tamén cen mil-

**2**, 6 As fontes desta noticia aparecen en 1 Re **5**, 27 e **9**, 22.

**3** Este c. está unido tematicamente ao **4**, xa que ambos os dous describen a construción do templo. A fonte común é 1 Re **7**, 1-12, aínda que aumentada, para dar maior esplendor ao templo.

**3**, 1 *O monte Móriah* aparece identificado polo Cronista coa ira de Ornán e tradicionalmente co lugar do sacrificio de Isaac. Deste xeito hai continuidade, incluso xeográfica, entre o culto antigo e o templo xerosolimitano.

**3**, 14 *O veo*: alusión á tenda do Éxodo (cf Éx **26**, 31).

**3**, 16 *Debir*: é a parte interior do templo, o lugar máis santo, que contén a Arca da Alianza. Alí entra só o sumo sacerdote unha vez ao ano, o "Yom Kippur" (Día da Expiación), a realizar con sangue sacrificios de purificación para todo o pobo.

grandas que puxo nas cadeíñas. [17]Ergueu as columnas diante da entrada, unha á dereita e outra á esquerda, e chamoulle á da dereita Iaquín e á da esquerda Boaz.

**4** [1]Construíu tamén un altar de bronce de vinte cóbados de longo, vinte cóbados de ancho e dez cóbados de alto. [2]Fixo o "mar" de metal fundido de dez cóbados de extremo a extremo. Era enteiramente redondo e de cinco cóbados de alto. Un cordón de trinta cóbados medía o seu contorno. [3]Debaixo do bordo había en todo o contorno coma unhas figuras de bois, por cadanseu cóbado, colocadas en dúas ringleiras, fundidas nunha soa masa. [4]Sostínase sobre doce bois; tres mirando ao norte, tres mirando ao oeste, tres mirando ao sur e tres mirando ao leste. O "mar" estaba sobre eles, coas súas partes traseiras de cara ao interior. [5]O seu espesor era dun palmo; a súa beira coma a do cáliz da flor do lirio. Cabían nel tres mil medidas. [6]Fixo dez pías para as ablucións e colocou cinco delas á dereita e cinco á esquerda para lavar nelas o que se ofrecía en holocausto. O "mar" era para as ablucións dos sacerdotes. [7]Fixo dez candelabros de ouro, segundo a forma prescrita, e colocounos na entrada, cinco á dereita e cinco á esquerda. [8]Fixo dez mesas e colocounas no templo, cinco á dereita e cinco á esquerda. Fixo tamén sellas de ouro. [9]Construíu tamén o adro dos sacerdotes e o adro grande coas súas portas, revestindo as portas de bronce. [10]Colocou o "mar" ao lado dereito, cara ao sueste. [11]Hiram fixo tamén as cinseiras, as pas da borralla e as sellas. Así concluíu Hiram a obra que lle encargara o rei Salomón para o templo. [12]As dúas columnas cos seus capiteis e as molduras que coroaban as columnas, os dous trenzados para cubrir as dúas molduras dos capiteis que estaban sobre as columnas; [13]as catrocentas milgrandas por cada trenzado; [14]as dez bases sobre as que colocou as pías; [15]o "mar" cos doce bois debaixo del; [16]as cinseiras, as pas e as sellas. Todos estes utensilios fixoos Hiramabí para o rei Salomón, para o templo de Iavé, de bronce brunido. [17]O rei fixoos fundir na veiga do Xordán, no mesmo chan, entre Sucot e Seredah. [18]Salomón fabricou todos estes utensilios en tan enorme cantidade que non puido calcular o peso do bronce.

[19]Salomón fixo todos os obxectos destinados ao templo: o altar de ouro, as mesas para o pan da presenza, [20]os candelabros coas súas lámpadas de ouro fino, para que ardesen, segundo o rito, diante do santuario; [21]os cálices, as lámpadas e as tenaces de ouro, de ouro purísimo; [22]e os coitelos, as sellas, os vasos e os cinseiros, de ouro puro. Eran tamén de ouro as portas interiores do templo, a entrada do santuario e as portas da nave.

### Dedicación do templo

**5** [1]Así foi concluída toda a obra que fixo Salomón para o templo do Señor. Salomón fixo traer todo o consagrado por seu pai David: a prata, o ouro e todos os obxectos, e púxoos nos tesouros do templo de Deus. [2]Entón congregou Salomón en Xerusalén a todos os anciáns de Israel e aos principais das casas paternas dos fillos de Israel, para facer subir a Arca da Alianza de Iavé desde a cidade de David, que é Sión. [3]Reuníronse onda o rei todos os homes de Israel, na festa do mes sétimo. [4]Cando chegaron todos os anciáns de Israel, os levitas alzaron a Arca; [5]levaron a Arca e a Tenda do Encontro e todos os útiles do santuario que había na tenda. Fixérono os sacerdotes levitas. [6]O rei Salomón, con toda a comunidade de Israel que se reunira ao arredor del, sacrificaron ovellas e bois en número tan grande que non se puideron contar. [7]Os sacerdotes levaron a Arca da Alianza do Señor ao seu lugar no santuario do templo, ao Santo dos Santos, baixo as ás dos querubíns. [8]Pois os querubíns estendían as ás por riba do lugar onde estaba colocada a Arca, cubrindo a Arca e os varais por riba. [9]Os varais eran tan longos que se vían as puntas desde o Santo, desde a parte anterior do santuario, pero non se vían desde fóra; e alí están ata o día de hoxe. [10]Na Arca non había cousa máis ca as dúas táboas que Deus fixo poñer nela no Horeb, cando Iavé concluíu a alianza cos israelitas tras a súa saída de Exipto. [11]Cando os sacerdotes saíron do santuario (porque todos

**4** Coa excepción dos vv. 2a. 3a e 6-9, os restantes son tomados de 1 Re **7**, 23-26. 38-51.

**4**, 1 Para describir o altar de bronce, o autor parece inspirarse en Ez **43**, 13-17.

**4**, 2 *Mar*: Trátase de un depósito de metal fundido. Chámase "mar", pois, como se percibe en 1Re 7, 23, ten o senso dunha realidade inmensa (cósmica), que describe un océano inmenso e rebelde.

**4**, 15 A esaxeración do Cronista é grande (cento vinte mil litros), se temos presente 1 Re **7**, 24 (dous mil).

**5** Os cc. **5-7**, falan da dedicación do templo. O Cronista sérvese de 1 Re **8**, 1-52. 62-66, introducindo consideracións propias sobre os levitas e cantores para harmonizar as fontes coa praxe cultual do seu tempo.

**5**, 3 *Festa*: trátase da festa das Cabanas.

**5**, 11-13 O Cronista subliña a solemnidade do momento, describindo o culto de loanza. O paralelismo desta liturxia coa do traslado da Arca nos tempos de David é evidente.

os sacerdotes que estaban presentes se santificaron, sen gardar orde de clases), [12]e todos os levitas cantores, Asaf, Hemán e Iedutún, con seus fillos e irmáns, vestidos de liño fino, estaban de pé ao oriente do altar, tocando címbalos, salterios e cítaras, e con eles cento vinte sacerdotes que tocaban as trompetas, [13]e os cantores loando e celebrando a Iavé; erguendo a voz coas trompetas e cos címbalos e con outros instrumentos de música loaban a Deus dicindo: "Porque é bo, porque é eterno o seu amor"; o templo encheuse dunha nube, [14]e os sacerdotes non puideron continuar no servizo por causa da nube, porque a gloria de Iavé enchía o templo.

**6** [1]Entón Salomón dixo: –O Señor quere habitar nunha densa nube; [2]e eu construínche un palacio, un sitio onde vivas para sempre.

[3]Logo volveuse para botar a bendición a toda a asemblea de Israel; toda a asemblea de Israel estaba en pé, [4]e dixo: –Bendito o Señor, Deus de Israel, que coa súa boca lle fixo unha promesa a meu pai, David, e coa súa man cumpriuna: [5]"Desde o día en que saquei do país de Exipto o meu pobo non elixín ningunha cidade das tribos de Israel para facerme un templo onde residise o meu Nome, e non elixín a ninguén para que fose caudillo do meu pobo, Israel, [6]senón que elixín a Xerusalén para poñer alí o meu nome e elixín a David para que estivese á fronte do meu pobo, Israel". [7]Meu pai, David, pensou edificar un templo en honra do Señor, Deus de Israel, [8]e o Señor díxolle: "Ese proxecto que tes de construír un templo na miña honra, fas ben en telo; [9]só que ti non construirás ese templo, senón que un fillo das túas entrañas será quen constrúa ese templo na miña honra". [10]O Señor cumpriu a promesa que fixo; eu sucedín no trono de Israel a meu pai David, como prometeu o Señor, e construín este templo na honra do Señor, Deus de Israel. [11]E nel coloquei a Arca onde se conserva a alianza que Iavé pactou cos fillos de Israel.

[12]Salomón, de pé diante do altar do Señor, na presenza de toda a asemblea de Israel, estendeu as súas mans. [13]Salomón fixera un estrado de bronce de dous metros e medio de longo por dous e medio de ancho e un e medio de alto, e colocárao no medio do adro; subiu a el e axeonllouse perante toda a asemblea de Israel, elevou as mans ao ceo [14]e dixo: –Señor, Deus de Israel. Nin no ceo nin na terra hai deus ningún coma ti, fiel á alianza cos teus vasalos, se proceden de todo corazón de acordo contigo; [15]a meu pai, David, teu servo, mantivécheslle a palabra da túa boca, prometíchelo e coa túa man cumpríchelo hoxe. [16]Agora, pois, Señor, Deus de Israel, mantén en favor do teu servo, meu pai David, a promesa que lle fixeches: "Non che faltará na miña presenza un descendente no trono de Israel, coa condición de que teus fillos saiban comportarse, camiñando pola miña Lei como camiñaches ti". [17]Agora, pois, Señor, Deus de Israel, confirma a promesa que lle fixeches ao teu servo David. [18]Aínda que, é posible que Deus habite cos homes na terra? Se non cabes no ceo nin no máis alto do ceo, canto menos neste templo que che construín!

[19]Volve o teu rostro á oración e súplica do teu servo, Señor, meu Deus, escoita a oración e o clamor que che dirixe o teu servo. [20]Que día e noite estean os teus ollos abertos para este templo, sobre o sitio onde quixeches que residise o teu Nome. [21]Escoita a oración que o teu servo che dirixe neste sitio! Escoita as súplicas do teu servo e do teu pobo Israel, cando recen neste sitio; escoita ti desde a túa morada do ceo, escoita e perdoa.

[22]Cando un peque contra outro, se se lle esixe xuramento e vén xurar ante o teu altar neste templo, [23]escoita ti desde o ceo e fai xustiza aos teus servos, condenando o culpable, volvéndolle o seu merecido, e absolvendo o inocente, pagándolle segundo a súa inocencia.

[24]Cando o teu pobo, Israel, sexa derrotado polo inimigo por pecar contra ti, se se converte e confesa o seu pecado, e reza e suplica ante ti neste templo, [25]escoita ti desde o ceo e perdoa o pecado do teu pobo, Israel, e faino volver á terra que lle deches a el e a seus pais.

[26]Cando, por teren pecado contra ti, se peche o ceo e non haxa chuvia, se rezan neste lugar, confesan o seu pecado e se arrepinten cando ti os aflixes, [27]escoita ti desde o ceo e perdoa o pecado do teu servo, do teu pobo Israel, mostrándolle o bo camiño que debe seguir e manda a chuvia á terra que lle deches en herdanza ao teu pobo.

**5**, 14 *A nube* manifesta de modo sensible a presenza de Deus (cf Éx **16**, 10; **19**, 16; **24**, 15-16). Deus toma posesión da súa casa.

**6**, 5-6 O Cronista pasa por alto o santuario de Xiloh e o reinado de Xaúl, para subliñar o centralismo de Xerusalén. *O meu Nome*: é dicir, a miña persoa (cf Dt **12**, 15).

**6**, 14-39 Esta oración desenvolve os temas da alianza e a fidelidade, temas centrais na teoloxía do A. T.

*Deus ningún* (v. 14): clara confesión do monoteísmo israelita. O v. 18 quere deixar clara a dimensión espiritual da relixión xudía. Non hai loanza supersticiosa do templo.

[28]Cando no país haxa fame, peste, seca e caruncho, lagostas e pulgóns; cando o inimigo peche o cerco nalgunha das súas cidades; en calquera calamidade ou enfermidade; [29]se un calquera, ou todo o teu pobo Israel, ante os remorsos e a dor, estende as mans cara a este templo e che dirixe oracións e súplicas, [30]escoita ti desde o ceo onde moras, perdoa e págalle a cada un segundo a súa conduta, ti que coñeces o corazón humano; [31]así respectarante e marcharán polas túas vereas mentres vivan na terra que lles deches aos nosos pais.

[32]Pero tamén ao estranxeiro que non pertence ao teu pobo Israel: cando veña dun país apartado, atraído pola túa gran fama, a túa man forte e o teu brazo estendido, cando veña rezar neste templo, [33]escóitao ti desde o ceo, onde moras, fai o que che pida, para que todas as nacións do mundo coñezan a túa fama e te respecten coma o teu pobo Israel e saiban que o teu Nome foi invocado neste templo que construín.

[34]Cando o teu pobo saia á campaña contra os seus inimigos polo camiño que lle sinales, se che reza, virada a cara a esta cidade que elixiches e ao templo que construín na túa honra, [35]escoita ti desde o ceo a súa oración e súplica e failles xustiza.

[36]Cando pequen contra ti porque ninguén está libre de pecado e ti, irritado con eles, os entregues ao inimigo, e os vencedores os desterren a un país remoto ou próximo; [37]se no país onde viven deportados reflexionan e se converten, e no país do seu desterro che suplican dicindo: "Pecamos, faltamos, somos culpables"; se no país do desterro a onde os deportaron [38]se converten a ti con todo o corazón e con toda a alma, e rezan cara á terra que lles deches a seus pais, cara á cidade que elixiches e ao templo que construín na túa honra, [39]desde o ceo onde moras escoita ti a súa oración e súplica, failles xustiza e perdóalle ao teu pobo os pecados cometidos contra ti. [40]Que os teus ollos, meu Deus, estean abertos e os teus oídos atentos ás súplicas que se fagan neste lugar.

[41]E agora, levántate, Señor, Deus, ven á túa mansión, ven coa Arca do teu poder; que os teus sacerdotes, Señor Deus, se vistan de gala, que os teus fieis reborden de felicidade. [42]Señor Deus, non negues audiencia ao teu unxido; recorda a lealdade de David, o teu servo.

### A gloria do Señor

**7** [1]Cando Salomón terminou a súa oración, baixou lume do ceo, que devorou o holocausto e os sacrificios. [2]A gloria do Señor encheu o templo, e os sacerdotes non podían entrar nel porque a gloria do Señor enchía o templo. [3]Os israelitas, ao veren que o lume e a gloria do Señor baixaban ao templo, prostráronse rostro en terra sobre o pavimento e adoraron e deron grazas ao Señor, "porque é bo, porque é eterna a súa misericordia".

### Sacrificios

[4]O rei e todo o pobo ofreceron sacrificios ao Señor; [5]o rei Salomón inmolou vinte e dous mil touros e cento vinte mil ovellas e cabras. Así dedicaron o templo de Deus o rei e todo o pobo. [6]Os sacerdotes oficiaban de pé mentres os levitas cantaban ao Señor cos instrumentos que fixera o rei David para loar e dar grazas ao Señor, "porque é eterna a súa misericordia"; os sacerdotes encontrábanse perante eles e todos os israelitas mantíñanse de pé. [7]Salomón consagrou o adro interior que hai diante do templo, ofrecendo alí os holocaustos e a graxa dos sacrificios da comuñón, pois no altar de bronce que fixo Salomón non cabían os holocaustos, a ofrenda e a graxa. [8]Naquela ocasión Salomón celebrou durante sete días a festa; acudiu todo Israel, un xentío inmenso, desde o paso de Hamat ata o río de Exipto. [9]Despois de festexar a dedicación do altar durante sete días, o oitavo celebraron unha asemblea solemne e logo outros sete días de festa. [10]O día vinte e tres do mes sétimo Salomón despediu a xente; marcharon ás súas casas alegres e contentos por todos os beneficios que o Señor lles fixera a David, a Salomón e ao seu pobo Israel.

**6**, 32 Concepción universalista, moi de acordo con certas afirmacións mesiánicas (cf Is **56**, 6; **60**, 3-10; Zac **8**, 20-22).
**6**, 41-42 Texto tomado, con algúns retoques, do Salmo **132**, 8-11.
*Señor Deus*: lit. "Iahveh-Deus": expresión repetida tres veces neste texto, e que só se encontra en Xén **2-3**.
**7**, 1-3 Estes vv. repiten o dito en **5**, 13-14, e hai que velos relacionados con Éx **40**, 34-38. En lugar da bendición de Salomón co pobo (cf 1 Re **8**, 54-61), o Cronista fala do lume baixado do ceo (v. 1), signo de que Deus acepta o sacrificio e santifica o templo (cf 1 Re **18**, 38).
**7**, 6 O Cronista subliña de novo a importancia do culto, a música e o canto.
**7**, 9 A reunión do "oitavo día" é propia da tradición sacerdotal (cf Lev **23**, 36; Núm **29**, 35-38).

**Oráculo do Señor**

[11]Salomón terminou o templo do Señor e
o palacio real; todo canto desexara facer para
o templo e o palacio saíulle perfectamente.
[12]Aparecéuselle o Señor de noite e díxolle:
–Escoitei a túa oración e escollo este lugar
como templo para os sacrificios. [13]Cando
eu peche o ceo e non haxa chuvia, cando
lle ordene á lagosta que devore a terra, can-
do mande a peste contra o meu pobo, [14]se o
meu pobo, que leva o meu Nome, se humilla,
ora, me busca e abandona a súa mala condu-
ta, eu escoitareino desde o ceo, perdoarei os
seus pecados e sandarei a súa terra. [15]Man-
terei os ollos abertos e os oídos atentos ás
súplicas que se fagan neste lugar. [16]Escollo
e consagro este templo para que estea nel o
meu Nome eternamente. O meu corazón e os
meus ollos estarán sempre nel. [17]E en can-
to a ti, se procedes de acordo comigo coma
teu pai David, facendo exactamente o que eu
che mando e cumprindo os meus mandatos e
decretos, [18]conservarei o teu trono real como
pactei con teu pai, David: "Non che faltará
un descendente que goberne a Israel". [19]Pero
se apostatades e descoidades os mandatos e
preceptos que vos dei e ides dar culto a ou-
tros deuses e os adorades, [20]arrincareivos da
terra que vos dei, rexeitarei o templo que
consagrei ao meu Nome e convertereino en
ridículo e burla de todas as nacións. [21]E to-
dos os que pasen onda este templo que foi tan
magnífico asombraranse, comentando: "Por
que tratou o Señor de tal maneira este país e
este pobo?". [22]E diranlles: "Porque abando-
naron o Señor, o Deus de seus pais, que os
sacara de Exipto, e seguiron a outros deuses,
adoráronos e déronlles culto; por iso lles bo-
tou enriba esta catástrofe".

**Noticias sobre Salomón**

**8** [1]Salomón construíu o templo do Señor e
o palacio durante vinte anos. [2]Fortificou
as cidades que lle dera Hiram e instalou nelas
os israelitas. [3]Logo Salomón dirixiuse contra
Hamat de Sobah e apoderouse dela. [4]Forti-
ficou Tamor, no deserto, e todas as cidades
de avituallamento que construíra en Hamat.
[5]Converteu Bethorón de Arriba e Bethorón
de Abaixo en prazas fortes, con murallas,
portas e ferrollos. [6]O mesmo fixo con Balat,
cos centros de aprovisionamento que tiña Sa-
lomón, as cidades con cuarteis de carros e ca-
balaría, e canto quixo construír en Xerusalén,
no Líbano e en todas as terras do seu imperio.
[7]Salomón fixo unha leva de traballadores non
israelitas entre os descendentes que queda-
ban aínda dos hititas, amorreos, pericitas, hi-
vitas e iebuseos, [8]pobos que os israelitas non
exterminaran. [9]Aos israelitas non lles im-
puxo traballos forzados, senón que o servían
como soldados, funcionarios, xefes e oficiais
de carros e cabalaría. [10]Os xefes e capataces
que mandaban nos obreiros eran douscentos
cincuenta.

[11]A filla do faraón trasladouna da cidade
de David ao palacio que construíra, porque
pensaba: O palacio de David, rei de Israel,
quedou consagrado pola presenza da Arca do
Señor; a miña muller non pode vivir nel.

[12]Salomón ofrecía holocaustos ao Señor
sobre o altar de Iavé, que construíra diante
do adro. [13]Observaba o rito cotián dos holo-
caustos e as prescricións de Moisés referen-
tes aos sábados, primeiros de mes e ás tres
solemnidades anuais: a festa dos Ácimos, a
das Semanas e a das Cabanas. [14]Seguindo as
prescricións do seu pai David, asignoulles
ás clases sacerdotais os seus servizos; aos
levitas, as súas funcións de cantar e oficiar
na presenza dos sacerdotes, segundo o rito
de cada día; e aos porteiros encargounos
por grupos de cada unha das portas. Así o
dispuxera David, o home de Deus. [15]Non
se desviaron do que o rei lles mandara aos
sacerdotes e aos levitas en cousa ningunha,
nin sequera no referente aos almacéns. [16]Así
levou a cabo toda a obra desde o día en que
puxo os alicerces do templo do Señor ata a
súa terminación. [17]Salomón dirixiuse entón a
Esion-Guéber e Elat, na costa de Edom. Por
medio dos seus ministros, [18]Hiram envioulle
unha frota e mariñeiros expertos. Foron a
Ofir cos escravos de Salomón e trouxéronlle
de alí ao rei Salomón uns dezaseis mil quilos
de ouro.

**7**, 13-16 O oráculo divino pon de manifesto a dobre función do templo: lugar para ofrecer sacrificios e lugar de oración. Ambas funcións esixen o arrepentimento e a conversión.
**7**, 21-22 Estes vv. están tomados á letra de 1 Re **9**, 8-9 e inspirados en Dt **29**, 23-24 e Xer **22**, 8-9.
**8** Este c., paralelo a 1 Re **9**, 10-28, ten como finalidade mostrar que Deus está con Salomón.
**8**, 2 O texto do Cronista aparece en contraste con 1 Re **9**, 10-14. Talvez se fixo o cambio para mostrar un Salomón meirande ca calquera outro rei.
**8**, 3-4 Estes vv. infórmannos da grande extensión do reino de Salomón. *Tamor* (v. 4) corresponde con Palmira, en Siria.
**8**, 11 Con esta explicación da colleita do Cronista o que se pretende é subliñar os atrancos dos matrimonios mixtos.
**8**, 12-16 Desenvolve 1 Re **9**, 25, engadindo detalles cultuais, de acordo con Lev **23** e Núm **28-29**.

### Visita da raíña de Sabá

**9** [1]A raíña de Sabá oíu a fama de Salomón
e foi desafialo con enigmas. Chegou a
Xerusalén cunha gran caravana de camelos
cargados de perfumes e ouro en gran cantidade e de pedras preciosas. Entrou no palacio
de Salomón e propúxolle todo o que pensaba. [2]Salomón resolveu todas as súas consultas; non houbo unha cuestión tan escura que
Salomón non lla puidese resolver. [3]Cando a
raíña de Sabá viu a sabedoría de Salomón,
a casa que construíra, [4]os manxares da súa
mesa, toda a corte sentada á mesa, os camareiros cos seus uniformes, servindo, os copeiros cos seus uniformes, os holocaustos que
ofrecía no templo do Señor, quedou abraiada
[5]e díxolle ao rei: –É verdade o que me contaron no meu país de ti e da túa sabedoría.
[6]Eu non quería crelo, pero agora que vin e
o vexo cos meus propios ollos, resulta que
non me dixeran nin a metade. En abundancia
de sabedoría superas todo o que eu oíra. [7]Feliz a túa xente, felices os cortesáns que están
sempre na túa presenza aprendendo da túa
sabedoría. [8]Bendito sexa o Señor, teu Deus,
que, polo amor con que quere conservar para
sempre a Israel, te elixiu para te colocar no
trono como rei deles pola graza do Señor, teu
Deus, para que gobernes con xustiza!

[9]A raíña regaloulle ao rei catro mil quilos
de ouro, gran cantidade de perfumes e pedras
preciosas; nunca houbo perfumes coma os
que a raíña de Sabá lle regalou ao rei Salomón.

[10]Os vasalos de Hiram e os de Salomón,
que transportaban o ouro de Ofir, trouxeron
tamén madeira de sándalo e pedras preciosas.
[11]Coa madeira de sándalo o rei fixo sollados
para o templo do Señor e o palacio real, e cítaras e arpas para os cantores. Nunca se vira
madeira semellante na terra de Xudá.

[12]Pola súa parte, o rei Salomón regaloulle
á raíña de Sabá todo o que a ela se lle antollou, superando o que ela mesma lle levara ao
rei. Despois ela e o seu séquito emprenderon
a viaxe de volta ao seu país.

### Riqueza, sabedoría e comercio exterior

[13]O ouro que recibía Salomón ao ano eran
vinte e tres mil trescentos quilos, [14]sen contar o proveniente de impostos aos comerciantes e ao tránsito de mercadorías; e todos
os reis de Arabia e os gobernadores do país
lle levaban ouro e prata a Salomón. [15]O rei
Salomón fixo douscentos escudos de ouro
batido, gastando seis quilos e medio en cada
un, [16]e trescentas adargas de ouro batido,
gastando medio quilo de ouro en cada unha;
púxoas no salón chamado Bosque do Líbano. [17]Fixo un gran trono de marfil, recuberto
de ouro puro; [18]tiña seis chanzos, un año de
ouro no respaldo, brazos a ambos lados do
asento, [19]e doce leóns de pé a ambos os lados
dos chanzos. Nunca se fixera cousa igual en
reino ningún. [20]Toda a vaixela de Salomón
era de ouro e todas as alfaias do salón do
Bosque do Líbano eran de ouro puro; nada
de prata, que en tempos de Salomón non se
lle daba importancia, [21]porque o rei tiña unha
frota que ía a Tárxix cos servos de Hiram, e
cada tres anos volvían as naves de Tárxix,
cargadas de ouro, prata, marfil, monos e pavos reais.

[22]Na riqueza e sabedoría o rei Salomón
superou a todos os reis da terra. [23]Todos os
reis do mundo viñan visitalo, para aprender
da sabedoría da que Deus o enchera. [24]E cada
un traía cadanseu agasallo: vaixelas de prata
e ouro, mantos, perfumes e aromas, cabalos e
machos. E así todos os anos.

[25]Salomón tiña nas súas cortes catro mil
cabalos de tiro, carros e doce mil cabalos de
montar. Instalounos nas cidades con cuarteis
de carros e en Xerusalén, cerca do palacio.
[26]Tiña poder sobre todos os reis, desde o
Éufrates ata a rexión filistea e a fronteira de
Exipto. [27]Salomón conseguiu que en Xerusalén a prata fose tan corrente coma as pedras,
e os cedros, coma os sicómoros de Xefelah.
[28]Os cabalos de Salomón proviñan de Exipto
e doutros países.

[29]Para máis datos sobre Salomón, da punta
ao cabo do seu reinado, véxase a Historia do
profeta Natán, a profecía de Ahías de Xiloh
e as visións do vidente Idó a propósito de
Ieroboam, fillo de Nabat. [30]Salomón reinou
en Xerusalén sobre todo Israel corenta anos.
[31]Cando morreu enterrárono na cidade de David, seu pai. Seu fillo Roboam sucedeuno no
trono.

**9** O Cronista inspírase en 1 Re **10**, 1-31, abandonando esta fonte ao falar da vellez nada exemplar de Salomón. A idea central do c. é o recoñecemento da grandeza de Salomón por parte dos reis veciños.

**9**, 8 O verdadeiro rei de Israel é Deus. Salomón éo en canto escolleito polo propio Iavé.

**9**, 29 *Natán* ten a súa importancia na vida de David (cf 1 Cro **17**, 1-15) e toma tamén parte na elección de Salomón (1 Re **1**, 11-12). Ao Cronista interésalle subliñar as boas relacións de Salomón cos profetas.

Ahías profetizou no reinado de Ieroboam (1 Re **11**, 29-30).

### O cisma

**10** [1]Roboam foi a Xequem porque todo
Israel acudira alí para proclamalo rei.
[2]Cando o soubo Ieroboam, fillo de Nabat
que estaba en Exipto, a onde fora fuxindo
do rei Salomón, volveu de Exipto, [3]porque
o mandaran chamar. Ieroboam e todo Israel
faláronlle a Roboam: [4]–Teu pai impúxonos
un xugo pesado. Alixeira agora a dura ser-
vidume á que nos suxeitou teu pai e o xugo
pesado que nos botou enriba, e servirémoste.
[5]E díxolles: –Volvede dentro de tres días.
Eles fóronse, [6]e o rei Roboam consultou
cos anciáns que estiveran ao servizo do seu
pai, Salomón, mentres vivía: –Que me acon-
sellades que lle responda a esa xente?
[7]Dixéronlle: –Se te portas ben con este
pobo, condescendes con eles e lles respondes
con boas palabras, serán servos teus de por
vida.
[8]Pero el rexeitou o consello dos anciáns
e consultou cos mozos que se educaran con
el e estaban ao seu servizo. [9]Preguntoulles:
–Esta xente pídeme que lles alixeire o xugo
que lles botou enriba meu pai. Que me acon-
sellades que lles responda?
[10]Os mozos que se educaran con el respon-
déronlle: –Así que esa xente che dixo: "Teu
pai impúxonos un xugo pesado, alixéiranolo".
Pois ti dilles isto: "O meu dedo maimiño
é máis groso que a cintura do meu pai. [11]Se
meu pai vos cargou cun xugo pesado, eu au-
mentareivos a carga: se meu pai vos castigou
con azoutes, eu castigareivos coa tralla".
[12]O terceiro día, data sinalada polo rei, Ie-
roboam e todo o pobo foron ver a Roboam.
[13]O rei respondeulles asperamente, rexeitou
o consello dos anciáns e [14]faloulles seguindo
o consello dos mozos: –Se meu pai vos im-
puxo un xugo pesado, eu aumentaréivolo; se
meu pai vos castigou con azoutes, eu fareino
coa tralla.
[15]De maneira que o rei non lle fixo caso ao
pobo, porque era unha ocasión buscada polo
Señor para que se cumprise a palabra do Señor
que Ahías, o de Xiloh, lle comunicou a Iero-
boam, fillo de Nabat. [16]Vendo os israelitas que
o rei non lles facía caso, respondéronlle: –Que
é o que repartimos nós con David? Non fixe-
mos partilla co fillo de Ixaí! Ás túas tendas,
Israel! Agora, David, a coidar da túa casa!
Os de Israel marcharon á casa, [17]aínda
que os israelitas que vivían nas poboacións
de Xudá seguiron sometidos a Roboam. [18]O
rei Roboam enviou entón a Adoram, encar-
gado das brigadas de traballadores, pero os
israelitas emprendérona a pedradas con el
ata matalo, mentres o rei montaba á présa na
súa carroza para fuxir a Xerusalén. [19]Así foi
como se independizou Israel da casa de Da-
vid, ata hoxe.

**11** [1]Cando Roboam chegou a Xerusalén,
mobilizou cento oitenta mil soldados
de Xudá e Benxamín para loitar contra Israel
e recuperar o reino.
[2]Pero o Señor dirixiu a palabra ao profe-
ta Semaías: [3]–Dille a Roboam, fillo de Sa-
lomón, rei de Xudá, e a todos os israelitas
de Xudá e Benxamín: [4]"Así di o Señor: Non
vaiades loitar contra vosos irmáns; que cada
un volva á súa casa, porque isto sucedeu por
vontade miña".
Obedeceron as palabras do Señor e desis-
tiron da campaña contra Ieroboam.

### Roboam de Xudá

[5]Roboam habitou en Xerusalén e construíu
fortalezas en Xudá. [6]Restaurou Belén, Etam,
Tecoa, [7]Bet-Sur, Socó, Andulam, [8]Gat, Ma-
rexarh, Zif, [9]Adoraim, Láquix, Axecah. [10]So-
rah, Aiabón e Hebrón, fortalezas de Xudá e
Benxamín, [11]equipou as fortalezas, puxo ne-
las comandantes e forneceunas de almacéns
de víveres, aceite e viño. [12]Todas as cidades
tiñan escudos e lanzas; estaban perfectamen-
te armadas. Reinou en Xudá e Benxamín.
[13]Os sacerdotes e levitas de todo Israel
acudían desde as súas terras para unirse a

**10** Con este c. comeza a historia do reino de Xudá, que chega ata a parte terceira da obra do Cronista (**10**, 36), desde a división do reino ata o edicto de Ciro. A man do Cronista déixase sentir especialmente na omisión sistemática que fará de todos os reis do norte e o silencio intencionado das infidelidades dos reis do sur.
No conxunto dos reis de Xudá, os máis "achegados" do Cronista son Ioxafat, Ezequías e Ioxías, dos que salienta o celo e a fidelidade a Iavé.
Perante o home, o Cronista demostra un certo optimismo. A pesar do seu pecado, o home é capaz de cumprir a vontade de Deus. Os profetas xogan un papel importante nesta parte. Eles teñen como misión primeira pregoaren a necesidade de ter confianza en Deus. A súa presenza parece ser o cumprimento da promesa de Dt **18**, 15-22.
**10**,1 *Xequem*: localidade sita no centro de Samaria, entre o Ebal e o Garizim, e que chegou a ser o centro de xuntanzas das tribos do norte (cf Xos **24**).
**10**, 2 Cf 1 Re **11**, 26-40.
**10**, 18 *Adoram*: abreviación de Adoniram ( 1 Re **12**, 18).
**11**, 5-12 O Cronista, falando do esforzo de Roboan para se defender de Exipto ou dos filisteos, deixa sentado o principio que aparecerá claro no c. seguinte, de que ningún esforzo humano pode impedir o castigo divino.
**11**, 13-17 O relato puido ter como base 1 Re **12**, 27a. O importante para o Cronista é demostrar a fidelidade dos levitas a David e que o verdadeiro lugar de culto é Xerusalén.

el; [14]os levitas abandonaron os seus eidos e posesións para establecerse en Xudá e Xerusalén, porque Ieroboam e os seus fillos lles prohibiran exercer o sacerdocio do Señor, [15]nomeando pola súa conta sacerdotes para as ermidas dos outeiros, para os sátiros e para os becerros que fabricaran. [16]Tras eles, israelitas de todas as tribos desexosas de servir o Señor, Deus de Israel, foron a Xerusalén para lle ofreceren sacrificios ao Señor, Deus de seus pais. [17]Consolidaron o reino de Xudá e fixeron forte a Roboam, fillo de Salomón, durante tres anos, tempo no que imitaron a conduta de David e Salomón.

[18]Roboam casou con Mahlat, filla de Ierimot, fillo de David e de Abigaíl, filla de Eliab, de Ixaí. [19]Deulle varios fillos: Ieux, Xemarías e Zaham. [20]Despois casou con Macah, filla de Abxalom que lle deu a Abías, Atai, Zizá e Xelomit. [21]Roboam quería a Macah máis do que a todas as outras mulleres e concubinas; tivo dezaoito esposas e setenta concubinas e xerou vinte e cinco fillos e setenta fillas.

[22]A Abías, fillo de Macah, púxoo ao mando de seus irmáns, escolléndoo como sucesor. [23]Repartiu prudentemente os seus fillos por todo o territorio de Xudá e Benxamín e por todas as fortalezas, dándolles gran cantidade de víveres e procurándolles moitas mulleres.

**12** [1]Pero cando Roboam consolidou o seu reino e se fixo forte, el e todo Israel abandonaron a Lei do Señor. [2]Por se rebelar contra o Señor, o ano quinto do seu reinado, Xexac rei de Exipto [3]atacou Xerusalén con mil douscentos carros, sesenta mil xinetes e unha multitude innumerable de libios, suquitas e cuxitas procedentes de Exipto. [4]Conquistaron as fortalezas de Xudá e chegaron ata Xerusalén.

[5]Entón o profeta Semaías presentouse a Roboam e ás autoridades de Xudá, que se reuniran en Xerusalén por medo a Xexac, e díxolles: –Así di o Señor: "Vós abandonástesme; pois eu abandónovos agora nas mans de Xexac".

[6]As autoridades de Israel e o rei confesaron humildemente: –O Señor leva razón.

[7]Cando o Señor viu que se humillaran, dirixiu a súa palabra a Semaías: –Foron humildes, non os aniquilarei. Salvareinos dentro de pouco e non verterei a miña cólera sobre Xerusalén por medio de Xexac. [8]Pero ficarán sometidos para que aprecien o que vai de servirme a min a servir os reis da terra.

[9]Xexac, rei de Exipto, atacou Xerusalén e apoderouse dos tesouros do templo e do palacio; levou todo, mesmo os escudos de ouro que fixera Salomón. [10]Para substituílos, o rei Roboam, fixo escudos de bronce e encomendóullelos aos xefes da escolta que vixiaban o acceso ao palacio; [11]cada vez que o rei ía ao templo, os da escolta collíanos e logo volvían deixalos no corpo de garda. [12]Por se humillaren, o Señor apartou a súa cólera del e non o destruíu por completo. Tamén en Xudá houbo certo benestar.

[13]O rei Roboam reafirmouse en Xerusalén e seguiu reinando. Tiña corenta e un anos cando subiu ao trono e reinou dezasete en Xerusalén, a cidade que o Señor elixira como propiedade persoal entre todas as tribos de Israel. A súa nai chamábase Namah e era amonita. [14]Obrou mal porque non se dedicou de corazón a servir o Señor.

[15]Os feitos de Roboam, dos primeiros aos últimos, áchanse escritos na Historia do profeta Semaías e do vidente Idó. Houbo guerras continuas entre Roboam e Ieroboam. [16]Cando morreu, enterrárono na cidade de David. Seu fillo Abías sucedeuno no trono.

### Abías de Xudá

**13** [1]Abías subiu ao trono de Xudá o ano dezaoito do reinado de Ieroboam. [2]Reinou tres anos en Xerusalén. A súa nai chamábase Micaías, e era filla de Uriel, o de Guibah. Houbo guerra entre Abías e Ieroboam. [3]Abías emprendeu a guerra cun exército de catrocentos mil soldados aguerridos. Ieroboam fíxolle fronte con oitocentos mil soldados aguerridos.

**12** O autor depende neste c. de 1 Re **14**, 25-28. A expedición de Xexac contra Xerusalén é presentada como un castigo de Deus á infidelidade do rei (v. 1), tal como o confirma a lectura relixiosa que do acontecemento fai o profeta Semaías ( vv. 7-8).
**12**, 7 Os temas da humanidade e do perdón son moi importantes para o Cronista (cf **7**, 14; **12**, 12; **33**, 23; **34**, 27).
**13** Para describir o reino de Abías, o autor sérvese de 1 Re **15**, 1-2. 7-8. Tamén aquí pasa por alto a idolatría do rei.
**13**, 1 *Ano dezaoito...* O sincronismo de Abías e Ieroboam é un caso único nas Crónicas, mentres aparece normalmente no libro dos Reis.
**13**, 2 *Abías* é presentado como un rei bo, non como un pecador infiel e indigno da descendencia davídica (1 Re **15**, 3-5).
Para describir a guerra téñense en conta outros relatos bíblicos de loitas vitoriosas (cf Núm **10**, 9; Xuí **9**, 7; **20**, 29).

[4]Abías situouse no cume do monte Semaraim, na serra de Efraím, e berrou: –Ieroboam, israelitas, escoitádeme: [5]Acaso non sabedes que o Señor, Deus de Israel, con pacto de sal, concedeulle a David e aos seus descendentes o trono de Israel para sempre? [6]A pesar diso, Ieroboam, fillo de Nabat, empregado de Salomón, fillo de David, rebelouse contra o seu señor, [7]rodeándose de xente desocupada e sen escrúpulos, que se impuxeron a Roboam, fillo de Salomón, aproveitándose de que non podía dominalos por ser novo e débil de carácter. [8]Agora propoñédesvos facer fronte ao reino do Señor, administrado polos descendentes de David. Vós sodes moi numerosos, tedes convosco os ídolos que vos fixo Ieroboam, os becerros de ouro; [9]expulsastes os aharonitas, sacerdotes do Señor, e os levitas; fixéstesvos sacerdotes, coma os pobos pagáns: a calquera que traia un becerro e sete carneiros ordenádelo sacerdote dos falsos deuses. [10]En canto a nós, o Señor é o noso Deus e non o abandonamos; os sacerdotes que serven ao Señor son os aharonitas, e os encargados do culto os levitas; [11]ofrécenlle ao Señor holocaustos matutinos e vespertinos e perfumes recendentes, presentan os pans sobre a mesa pura e acenden todas as tardes o candelabro de ouro e as súas lámpadas, porque nós observamos as prescricións do Señor, o noso Deus, a quen vós abandonastes. [12]Sabede que Deus está connosco na vangarda. Os seus sacerdotes darán coas trompetas o toque de guerra contra vós. Israelitas, non loitedes contra o Señor, Deus de vosos pais, porque non poderedes vencer.

[13]Mentres tanto, Ieroboam dispuxo un destacamento para pillalos de costas. O groso do exército quedou diante dos de Xudá e o destacamento ás súas costas. [14]Os xudeus, ao volvérense, observaron que os atacaban por diante e polas costas. Entón clamaron ao Señor, os sacerdotes tocaron as trompetas, [15]a tropa lanzou o berro de guerra, e naquel momento Deus derrotou a Ieroboam e os israelitas ante Abías e Xudá. [16]Os israelitas fuxiron ante os xudeus e o Señor entregounos nas súas mans. [17]Abías e a súa tropa inflixíronlles unha gran derrota, caendo mortos cincocentos mil soldados de Israel. [18]Naquela ocasión os israelitas quedaron humillados, mentres os de Xudá se fixeron fortes por apoiárense no Señor, Deus de seus pais.

[19]Abías perseguiu a Ieroboam e arrebatoulle algunhas cidades: Betel e o seu distrito, Iexanah e o seu distrito, Efrón e seu distrito. [20]Ieroboam non conseguiu recuperarse nos tempos de Abías; o Señor feriuno e morreu. [21]Abías, polo contrario, fíxose cada vez máis forte. Tivo catorce mulleres e xerou vinte e dous fillos e dezaseis fillas.

[22]As restantes fazañas de Abías, a súa conduta e as súas empresas, áchanse escritas no comentario do profeta Idó. [23]Cando morreu enterrárono na cidade de David e sucedeuno no trono o seu fillo Asá. No tempo deste o país gozou de paz durante dez anos.

### Asá de Xudá

**14** [1]Asá fixo o que o Señor, o seu Deus, aproba e estima. [2]Suprimiu os altares estranxeiros e as ermidas dos outeiros, esnaquizou as estelas e cortou os cipos. [3]Animou a Xudá a servir o Señor, Deus de seus pais, e a observar a lei e os preceptos. [4]Suprimiu as ermidas dos outeiros e os cipos en todas as cidades de Xudá. O reino gozou de paz na súa época. [5]Aproveitando esta paz que lle concedeu o Señor, a calma que reinaba no país e a ausencia de guerras durante aqueles anos, construíu fortalezas en Xudá. [6]Para iso propúxolles aos xudeus: –Podemos dispor libremente do país porque servimos o Señor, noso Deus, e El concedeunos paz cos veciños. Imos construír estas cidades e rodealas de murallas con torres, portas e ferrollos.

**13**, 4-12 O discurso é ideolóxico. Pretende o Cronista desenvolver as causas do cisma (vv. 6-7) e demostrar cal é o verdadeiro culto (vv. 10-11) e a lexitimidade da descendencia davídica (v. 12). Deste xeito diríxese aos seus contemporáneos samaritanos descendentes do Reino do Norte e afastados dos xudeus.

**13**,18 Este v. é unha conclusión teolóxica do autor. Para gañar a guerra chega coa intervención de Deus. A potencia e a sabedoría humanas esmorecen diante de Deus. A vitoria é froito da fe, non das armas (cf v. 20; **32**, 7-8).

**13**, 19 *Betel* é o santuario rexio do Norte.

**13**, 20 A morte de Ieroboam é consecuencia da doutrina da retribución aceptada polo Cronista en toda a súa obra. Porque Ieroboam se revirou contra Deus, morre dese xeito.

**13**, 23 *Gozou de paz*. O dato diverxe de 1 Re **15**, 16.

**14** O Cronista esténdese demoradamente no reinado de Asá (cc. **14-16**), completando deste xeito a fonte de 1 Re **15**, 9-14. O principio da retribución está moi presente nestes cc. Para o Cronista unha vida pía merece paz e prosperidade. Segundo a fonte, con todo, Asá morre debido a unha enfermidade. Como explicar isto? O autor divide o reinado de Asá en dúas partes. Na primeira pon de manifesto o celo do rei na purificación do seu reino de toda idolatría e impedindo a invasión de Zérah (**14**, 1; **15**, 16). A paz e a prosperidade foron entón as notas características do seu reinado. Na segunda parte, cara ao remate da súa vida, o rei afástase de Deus e rexeita os profetas, o que provoca a súa morte ( **16**, 1-14).

**14**, 2-4 O autor amplía a reforma relixiosa de Asá (cf 1 Re **15**, 12), presentándoa como anticipo da reforma de Ioxías.

**14**, 5 Este v. contradí o afirmado en **15**, 17 e 1 Re **15**, 14.

Así o fixeron con pleno éxito. 7Asá dispuxo dun exército de trescentos mil xudeus, armados de escudo e lanza, e vinte e oito mil benxaminitas, armados de adarga e arco. Todos eran bos soldados.

8Zérah de Cux saíu ao seu encontro cun exército dun millón de homes e trescentos carros. Cando chegou a Marexah, 9Asá fíxolle fronte e iniciaron a batalla no val de Safatah, preto de Marexah. 10Asá invocou ao Señor, seu Deus: –Señor, cando queres axudar non distingues entre poderosos e febles. Axúdanos, Señor, noso Deus, que en Ti nos sustentamos e no teu nome nos diriximos contra esa multitude. Ti es o noso Deus. Non te deixes vencer por un home.

11O Señor derrotou os cuxitas ante Asá e Xudá. Os cuxitas fuxiron; 12pero Asá perseguiunos coa súa tropa a Guerar. O Señor e as súas hostes esnaquizáronos. Morreron tantos cuxitas, que non se puideron recuperar. O botín foi enorme. 13Aproveitando que os poboados da bisbarra de Guerar eran presa dun pánico sagrado, asaltáronos e saqueáronos porque había neles gran botín. 14Mataron tamén uns pastores e volveron a Xerusalén con gran cantidade de ovellas e camelos.

**15** 1O Espírito do Señor veu sobre Azarías, fillo de Oded. 2Saíu ao encontro de Asá e díxolle: –Escoitádeme, Asá, Xudá e Benxamín: Se estades co Señor, El estará convosco; se o buscades, deixarase encontrar; pero se o abandonades, abandonaravos. 3Durante moitos anos Israel viviu sen Deus verdadeiro, sen sacerdote que o instruíse, sen lei. 4Pero no perigo volveron ao Señor, Deus de Israel; buscárono e El deixouse encontrar. 5Naqueles tempos ninguén vivía en paz, todos os habitantes do país sufrían grandes turbacións. 6Pobos e cidades destruíanse mutuamente porque o Señor os turbaba con toda clase de perigos. 7Pero vós cobrade ánimo, non desfalezades, que as vosas obras terán a súa recompensa.

8Cando Asá escoitou esta profecía de Azarías, fillo de Oded, animouse a suprimir os ídolos de todo o territorio de Xudá e Benxamín, e das cidades que conquistara na serra de Efraím, e reparou o altar do Señor que se achaba diante do adro. 9Logo reuniu os xudeus, os benxaminitas e os de Efraím, Menaxés e Simeón, que residían entre eles porque moitos israelitas pasaran ao seu bando ao veren que o Señor, seu Deus, estaba con el. 10Reuníronse en Xerusalén en maio do ano quince do reinado de Asá. 11Sacrificaron ao Señor setecentos touros e sete mil ovellas do botín que trouxeran, 12e fixeron un pacto, comprometéndose a servir o Señor, Deus de seus pais, con todo o corazón e con toda a alma, 13e a condenar a morte a todo o que non o gardase, grande ou pequeno, home ou muller. 14Así llo xuraron ao Señor a grandes voces, entre clamores e ao son de trompetas e cornos. 15Todo Xudá festexou o xuramento e fixérono de corazón, buscando o Señor con sincera vontade; El deixouse encontrar por eles e concedeulles paz cos seus veciños.

16O rei Asá quitoulle o título de raíña nai a súa nai, Macah, porque fixera unha imaxe de Axtarté. Esnaquizou a imaxe, reduciuna a po e queimouna no torrente Cedrón. 17Non desapareceron de Israel as ermidas dos outeiros, pero o corazón de Asá pertenceu integramente ao Señor durante toda a súa vida. 18Levou ao templo as ofrendas de seu pai e as súas propias: prata, ouro e utensilios. 19Nos trinta e cinco primeiros anos do seu reinado, non houbo guerras.

**16** 1Pero o ano trinta e seis do reinado de Asá, Baxá de Israel fixo unha campaña contra Xudá e fortificou Ramah para cortarlle as comunicacións a Asá de Xudá. 2Este sacou entón prata e ouro dos tesouros do templo e do palacio e envioullos a Ben Hadad, rei de Siria, que residía en Damasco, con esta mensaxe: 3"Fagamos un tratado de paz, como o fixeron teu pai e o meu. Aquí che mando prata e ouro; anda, rompe a túa alianza con Baxá de Israel, para que se retire do meu territorio".

4Ben Hadad fíxolle caso a Asá e mandou os seus xenerais contra as cidades de Israel, devastando Ión, Dan, Abel-Maim e todos os depósitos das cidades de Naftalí. 5En canto o soubo, Baxá, deixou de fortificar Ramah

**14**, 8 O autor esaxera a ameaza de Zérah, para subliñar logo a fe de Asá (v. 11) e deixar ben claro que a vitoria é soamente de Deus.
**14**, 10 Cf Sal **20**.
**14**, 11 A loita é santa, é loita de Iavé.
**14**, 13 *Pánico sagrado*: expresión que demostra o gran medo infundido por Deus (cf 1 Sam **11**, 7; **14**, 15; **26**, 12; 2 Cro **17**, 10).
**15** Aquí séguese case á letra a fonte de 1 Re **15**, 13-15.
**15**, 2-7 O profeta desenvolve unha tese moi coñecida e querida polo Cronista: Iavé protexerá ao pobo, no caso de serlle fiel. Esta tese é ilustrada co exemplo dos xuíces (Xuí **17-21**).
**15**, 8-15 Máis ca doutra reforma relixiosa, trátase dunha renovación da alianza ao estilo de Xosué (Xos **24**).
**16**, 1 *Ano trinta e seis*. Este dato falta en 1 Re **15**, 16 e está en contradición con 1 Re **15**, 8. A cronoloxía, para o Cronista, está ao servizo da teoloxía.

e fixo parar as obras. [6]O rei Asá mobilizou
daquela a todo Xudá; desmontaron as pedras
e madeiros con que Baxá fortificaba Ramah
e aproveitáronos para fortificar Gueba e
Mispah. [7]Naquela ocasión o vidente Hananí
presentouse ante Asá, rei de Xudá, e díxo-
lle: –Por te apoiares no rei de Siria en vez de
apoiarte no Señor, teu Deus, escapouche das
mans o exército do rei de Siria. [8]Tamén os
cuxitas e libios constituían un grande exér-
cito con innumerables carros e cabalos; pero
entón apoiácheste no Señor, teu Deus, e El
púxoos nas túas mans. [9]Porque o Señor repa-
sa a terra enteira cos seus ollos para fortale-
cer os que lle son leais de corazón. Fixeches
unha loucura e de agora en adiante vivirás
en guerra.

[10]Asá indignouse co vidente e irritado con
el polas súas palabras, meteuno no cárcere.
Daquela asañouse tamén con outras persoas
do pobo. [11]Para os feitos de Asá, dos primei-
ros aos derradeiros, véxanse os Anais dos
Reis de Xudá e Israel. [12]O ano trinta e nove
do seu reinado enfermou do mal da gota.
Aínda que a enfermidade se foi agravando,
acudiu só aos médicos, sen acudir ao Señor
nin sequera na enfermidade. [13]Asá morreu no
ano corenta e un do seu reinado, indo reu-
nirse cos seus antepasados. [14]Enterrárono na
sepultura que se cavara na cidade de David.
Puxérono nun leito cheo dun ungüento con-
feccionado a base de aromas e perfumes, e
acenderon na súa honra unha gran larada.

### Ioxafat de Xudá

**17** [1]Sucedeuno no trono seu fillo Ioxafat,
que logrou imporse ao reino de Israel.
[2]Instalou gornicións en todas as fortalezas de
Xudá, e nomeou gobernadores no territorio
de Xudá e nas cidades de Efraím, que con-
quistara seu pai Asá. [3]O Señor estivo con
Ioxafat porque imitou a antiga conduta de
seu pai David e non servía os baais, [4]senón o
Deus de seu pai, cumprindo os seus precep-
tos; non imitou a conduta de Israel. [5]O Se-
ñor consolidou o reino nas súas mans. Todo
Xudá lle pagaba tributo, e Ioxafat chegou a
ter gran riqueza e prestixio. [6]O seu orgullo
era camiñar polas sendas do Señor, e volveu
suprimir as ermidas dos outeiros e as estelas
de Xudá.

[7]No ano terceiro do seu reinado, man-
dou algúns xefes Benhail, Abdías, Zacarías,
Natanael e Miqueas, a instruír os habitan-
tes das cidades de Xudá, [8]e con eles os le-
vitas Semaías, Netanías, Zebadías, Asael,
Xemiramot, Ionatán, Adonías, Tobías e os
sacerdotes Elixamá e Ioram. [9]Percorreron,
como instrutores de Xudá, todas as cidades
de Xudá, levando o libro da Lei do Señor, e
instruíron o pobo. [10]Todos os reinos veciños
de Xudá, presos dun pánico sagrado, abstivé-
ronse de loitar contra Ioxafat. [11]Os filisteos
pagábanlle tributo copioso en diñeiro. Tamén
os árabes lle traían gando menor: sete mil se-
tecentos carneiros e sete mil setecentos ma-
chos cabrúns. [12]Ioxafat fixose cada vez máis
poderoso. Construíu fortalezas e cidades de
aprovisionamento en Xudá. [13]Tiña moitos
empregados nas cidades de Xudá. En Xeru-
salén dispuña de soldados valentes e aguerri-
dos, [14]alistados por familias:

Alto mando de Xudá: Adnah, capitán xe-
neral, con trescentos mil soldados; [15]ás súas
ordes, o xeneral Iohanán, con douscentos
oitenta mil, [16]e Amasías, fillo de Zicrí, que
servía ao Señor como voluntario, ao mando
de douscentos mil.

[17]De Benxamín, o valoroso Eliadá, con
douscentos mil homes armados de arco e
adarga; [18]ás súas ordes estaba Iozabad, con
cento oitenta mil homes dispoñibles. [19]Todos
estes achábanse ao servizo do rei, sen contar
os que este destinara ás fortalezas de Xudá.

**16**, 7 *Vidente*: antiga designación do profeta (cf 1 Sam **9**, 9).
*Hananí*: personaxe descoñecido para nós.
*Apoiares*, tema central da predicación profética na súa loita contra as alianzas estranxeiras (cf Is **10**, 20; **31**, 1-3).
**16**, 11 Cf Zac **4**, 10; Sal **33**, 13-15.
**16**, 12 O recurso á medicina é para o Cronista síntoma da súa pouca confianza no Señor, de aí a opinión desfavorable que o autor dá sobre desta ciencia.
**17** Cc. **17-20**: Para escribir a biografía de Ioxafat, equiparado polo autor cos grandes reformadores Ioxías e Ezequías, sérvese de 1 Re **22**, 1-35. 41-51. Do seu goberno destácase a reforma relixiosa e militar (c. **17**), a xudicial (c. **19**) e seu espírito guerreiro (cc. **18-20**). O autor non sempre está de acordo coa fonte empregada.
**17**, 1 *Ioxafat*, que significa "Iavé goberna", é presentado como o tipo ideal do monarca que dirixe o seu pobo con firmeza.
O Cronista, fiel ao seu rexeitamento do reino de Norte, omitindo o reinado de Ahab, debe omitir tamén o ciclo de Elías, de tanta transcendencia para Israel.
**17**, 6 *O seu orgullo*: lit. "o seu corazón reforzouse". A expresión, que ordinariamente ten un significado negativo (cf **26**, 16; **32**, 25; Ez **28**, 2. 5. 17), aquí ten sentido positivo.
**17**, 7-9 Para levar a bo termo a reforma, non se contenta con facer prohibicións, senón que fomenta unha campaña catequética por todo o país (cf Neh **8**, 9-12), que ten tamén unha finalidade política.
*Libro da Lei*: pode ser moi ben todo o Pentateuco ou simplemente o Dt, descuberto por Ioxías (2 Re **22**, 8).
**17**, 10 É o resultado da protección divina (cf Ex **15**, 16; Dt **2**, 25; Xos **5**, 1; 1 Sam **11**, 7).

**18** [1]Cando Ioxafat chegou ao cume da súa
riqueza e prestixio, emparentou con
Ahab. [2]Anos máis tarde baixou a Samaria a
visitar a Ahab. Este matou gran cantidade de
ovellas e de touros para el e para o seu séquito; logo induciuno a atacar Ramot de Galaad.
[3]Ahab, rei de Israel, díxolle a Ioxafat, rei de
Xudá: –Queres vir comigo contra Ramot de
Galaad?

Ioxafat respondeulle: –Ti e mais eu, o teu
exército e o meu, iremos xuntos á guerra.
[4]Logo engadiu: –Consulta antes o oráculo do
Señor.

[5]O rei de Israel reuniu os profetas, catrocentos homes, e preguntoulles: –Podemos
atacar Ramot de Galaad, ou déixoo?

Responderon: –Vai; Deus entrégalla ao rei.

[6]Entón Ioxafat preguntou: –Non queda por
aí algún profeta do Señor para preguntarlle?

[7]O rei de Israel respondeulle: –Queda
aínda un, Miqueas, fillo de Imlah, por quen
podemos consultar o Señor; pero eu aborrézoo, porque nunca profetiza venturas, senón
sempre desgrazas.

Ioxafat dixo: –Non fale así o rei!

[8]O rei de Israel chamou a un funcionario
e díxolle: –Que veña axiña Miqueas, fillo de
Imlah.

[9]O rei de Israel e Ioxafat de Xudá estaban
sentados nos seus tronos, coas súas vestiduras rexias, na praza, onda a porta de Samaria,
mentres todos os profetas acenaban diante
eles. [10]Sedecías, fillo de Cananah, fixo uns
cornos de ferro e dicía: –Así di o Señor:
"Con estes escornearás aos sirios ata acabares con eles".

[11]E todos os profetas coreaban: –Ataca
Ramot de Galaad! Triunfarás, o Señor entrégacha.

[12]Mentres tanto o mensaxeiro que fora
chamar a Miqueas, díxolle: –Ten en conta
que todos os profetas a unha están profetizando venturas ao rei. A ver se o teu oráculo
é coma o deles e anuncias venturas.

[13]Miqueas replicou: –Vive Deus! Direi o
que Deus me mande!

[14]Cando se presentou ante o rei, este preguntoulle: –Miqueas, podemos atacar Ramot
de Galaad, ou déixoo?

Miqueas respondeulle: –Ide, triunfaredes.
O Señor entrégavola.

[15]O rei dixo: –Pero cantas veces terei que
tomarche xuramento de que me dis só a verdade no nome do Señor?

[16]Entón Miqueas dixo: –Estou vendo a
Israel espallado polos montes, coma ovellas
sen pastor. E o Señor di: "Non ten amo. Volva cada un á súa casa e en paz".

[17]O rei de Israel comentou con Ioxafat:
–Non cho dixen? Non profetiza venturas, senón desgrazas.

[18]Miqueas continuou: –Por iso, escoitade
a palabra do Señor: Vin o Señor sentado no
seu trono. Todo o exército celeste estaba en
pé, á dereita e á esquerda; [19]e o Señor preguntoulle: "Quen poderá enganar a Ahab, rei
de Israel, para que vaia e morra en Ramot de
Galaad?"

Uns propuñan unha cousa, outros outra.
[20]Ata que se adiantou un espírito e, posto en
pé ante o Señor, dixo: "Eu enganareino". O
Señor preguntoulle: "Como?". [21]Respondeu:
"Irei e transformareime en oráculo falso na
boca de todos os profetas". O Señor díxolle:
"Conseguirás enganalo. Vai e faino". [22]Como ves, o Señor puxo oráculos falsos na boca deses profetas teus, porque o Señor decretou a
túa perda.

[23]Entón Sedecías, fillo de Cananah, achegouse a Miqueas e deulle un lapote, dicíndolle: –Por onde escapou de min o espírito do
Señor para falarche a ti?

[24]Miqueas respondeu: –Veralo ti mesmo o
día en que vaias escondéndote de apousento
en apousento.

[25]Entón o rei de Israel ordenou: –Collede a
Miqueas e levádeo ao gobernador Amón e ao
príncipe Ioax. [26]Dicídelles: "Por orde do rei,
metede a este no cárcere e taxádelle a ración
de pan e auga ata que eu volva vitorioso".

[27]Miqueas dixo: –Se ti volves vitorioso, o
Señor non falou pola miña boca.

[28]O rei de Israel e Ioxafat, rei de Xudá, foron contra Ramot de Galaad. [29]O rei de Israel
díxolle a Ioxafat: –Voume disfrazar antes de
entrar en combate. Ti vai coa túa tropa.

Disfrazouse e marcharon ao combate.
[30]O rei sirio ordenáralles aos comandantes

**18** O que motivou a presenza deste relato, cousa estraña no Cronista por tratarse dun feito que se refire ao Reino do Norte e Ioxafat non fai un bo papel, é a presenza do profeta Miqueas (cf 1 Re **22**), verdadeiro profeta de Iavé, en contraposición cos de Ahab.

**18**, 1 O fillo de Ioxafat, Iorán, casou con Atalía, filla de Ahab (cf **21**, 6; 2 Re **8**, 18). Este matrimonio terá consecuencias desastrosas para o reino de Xudá.

**18**, 2 O sacrificio será funesto, por se celebrar lonxe do santuario lexítimo (cf Lev **17**).

**18**, 11 Son profetas da corte que aproban o sincretismo relixioso do rei.

**18**, 19-23 Antropomorfismos que recordan o prólogo do libro de Xob.

**18**, 27 Cita de Miq **1**, 2, debida talvez a unha confusión de nomes.

dos carros que non atacasen a pequeno nin grande, senón só ao rei de Israel. [31]E cando os comandantes dos carros viron a Ioxafat, comentaron: –Aquel é o rei de Israel!

E lanzáronse contra el. Pero Ioxafat gritou, e o Señor veu na súa axuda, apartándoos del. [32]Os comandantes viron que aquel non era o rei de Israel e deixárono. [33]Un soldado disparou o arco ao chou e feriu o rei de Israel, atravesándolle a coiraza. O rei díxolle ao auriga: –Dá a volta e lévame do campo de batalla, porque estou ferido.

[34]Pero aquel día intensificouse o combate, de maneira que sostiveron ao rei de Israel en pé no seu carro fronte aos sirios ata o atardecer. Morreu ao solpor.

**19** [1]Ioxafat de Xudá volveu san e salvo ao palacio de Xerusalén. [2]Pero o vidente de Iehú, fillo de Hananí, saíulle ao encontro e díxolle: –Conque axudas os malvados e alíaste cos inimigos do Señor? O Señor indignouse contigo por iso. [3]Pero contas tamén con boas accións: queimaches as estelas deste país e serviches a Deus con constancia.

[4]Ioxafat estableceu a súa residencia en Xerusalén, pero volveu visitar o pobo, desde Beerxeba ata a terra de Efraím, converténdoo ao Señor, Deus de seus pais. [5]Estableceu xuíces en cada unha das fortalezas do territorio de Xudá e advertiulles: [6]–Coidado co que facedes, porque non xulgaredes con autoridade de homes, senón coa de Deus, que estará convosco cando pronunciedes sentenza. [7]Polo tanto, temede o Señor e procedede con coidado. Porque o Señor, o noso Deus, non admite inxustizas, favoritismos nin subornos.

[8]Tamén en Xerusalén designou algúns levitas, sacerdotes de cabezas de familia, para que se encargasen do dereito divino e dos preitos dos habitantes de Xerusalén. [9]Deulles esta orde: –Actuade con temor de Deus, con honradez e integridade. [10]Cando os vosos irmáns que habitan nas cidades vos presenten un caso de asasinato, ou ben vos consulten sobre leis, preceptos, mandatos ou decretos, instruídeos para que non se fagan culpables ante o Señor e non se derrame a súa cólera sobre vós e os vosos irmáns. Se actuades así estaredes libres de culpa. [11]O sumo sacerdote Amarías presidirá as causas relixiosas, e Zebadías, fillo de Ismael, xefe da casa de Xudá, as civís. Os levitas estarán ao voso servizo. Ánimo, a traballar, e que o Señor estea cos homes de ben.

**20** [1]Algún tempo despois, os moabitas, os amonitas e algúns maonitas viñeron contra Ioxafat en son de guerra. [2]Informáronno: –Unha gran multitude procedente de Edom, no outro lado do mar Morto, diríxese contra ti; xa se encontran en Hasón-Tamar, a actual En-Guedí.

[3]Ioxafat, asustado, decidiu recorrer ao Señor, proclamando un xaxún en todo Xudá. [4]Xudeus de todas as cidades reuníronse para lle pediren consello ao Señor. [5]Ioxafat colocouse no medio da asemblea de Xudá e Xerusalén, no templo, diante do adro novo, [6]e exclamou: –Señor, Deus de nosos pais, non es Ti o Deus do ceo, o que goberna os reinos da terra, cheo de forza e de poder, a quen ninguén pode resistir? [7]Non fuches Ti, Deus noso, quen desbotaches os moradores desta terra diante do teu pobo, Israel, e lla entregaches para sempre á liñaxe do teu amigo Abraham? [8]Habitárona e construíron nela un santuario na túa honra, pensando: [9]"Cando nos ocorra unha calamidade –espada, inundación, peste ou fame– presentarémonos ante Ti neste templo porque nel estás presente, invocarémoste no noso perigo e Ti escoitarasnos e salvarasnos". [10]Cando Israel viña de Exipto non lle permitiches atravesar o territorio dos amonitas, o dos moabitas e a montaña de Seir en vez de destruílos arredor deles. [11]E agora eles págannolo dispoñéndose a expulsarnos da propiedade que Ti nos concediches. [12]Ti

**18**, 34 Neste punto o Cronista omite 1 Re **22**, 36 alusivo á morte de Ahab.

**19**, 2 Iehú, mencionado en **20**, 34 e 1 Re **16**, 1-7, dá un xuízo global da conduta de Ioxafat. A súa alianza con Israel levouno á derrota, as súas boas obras salváronlle a vida. O Cronista móstrase en sintonía con Oseas e Isaías, que censuraron este tipo de alianzas (cf Is **30**, 1-5; **31**, 1-3; Os **7**, 11; **8**, 9-10).

**19**, 4-11 A reforma faise en dous eidos: o da ensinanza (v. 4) e o da administración da xustiza (vv. 5-11).

O autor, inspirándose en Dt **16**, 18-20 e **17**, 8-13, non deixará de afirmar que o verdadeiro xuíz é o Señor (vv. 6-7; cf Dt **1**, 17; Sab **12**).

Ao distinguir as funcións sacras das profanas, o autor móstrase influído por Ezequiel.

**20** A batalla de Ioxafat contra os invasores procedentes da outra beira do Xordán, é descrita como se fose un acto litúrxico, polo que é posible que pertenza ao xénero midráxico. Todo o relato mira á afirmación de que, en caso de perigo, o pobo debe volverse cara a Deus en actitude de loanza e conversión.

**20**, 1 *Maonitas*: tribos de Edom, ao sur do mar Morto (cf **26**, 7; 1 Cro **4**, 41; Esd **2**, 50).

**20**, 3 *O xaxún* era práctica corrente, especialmente despois do exilio (cf Est **4**, 3). O rei desempeña funcións relixiosas coma no caso de David e Salomón.

**20**, 6 A oración de Ioxafat comeza cos mesmos temas ca de Salomón (**6**, 1ss).

**20**, 9 Cf **6**, 24-35; **7**, 12-16.

**20**, 11 A terra é propiedade de Iavé (cf Éx **15**, 17; Sal **78**, 54; **79**, 1; Eclo **24**, 12).

halos xulgar, noso Deus, que nós nada podemos contra esa tropa que nos vén enriba. Non sabemos que facer se non é cravarmos os ollos en Ti.

[13]Todos os xudeus, coas súas mulleres e fillos, incluso os nenos, permanecían de pé ante o Señor. [14]En medio da asemblea, un descendente de Asaf, o levita Iahziel, fillo de Zacarías, fillo de Benaías, fillo de Ieiel, fillo de Matanías, tivo unha inspiración do Señor [15]e dixo: –Xudeus, habitantes de Xerusalén, e ti, rei Ioxafat, prestade atención. Así di o Señor: Non vos asustedes nin acovardedes ante esa inmensa multitude, porque a batalla non é cousa vosa, senón de Deus. [16]Mañá baixaredes contra eles cando vaian subindo a Costa das Flores; sairédeslles ao encontro no cabo do barranco que hai fronte ao deserto de Ieruel. [17]Non teredes necesidade de combater; estade quietos e firmes contemplando como vos salva o Señor. Xudá e Xerusalén, non vos asustedes nin acovardedes. Saíde mañá ao seu encontro, que o Señor estará convosco.

[18]Ioxafat prostrouse rostro en terra, e todos os xudeus e os habitantes de Xerusalén caeron ante o Señor para adoralo. [19]Os levitas descendentes de Quehat e os corahitas, erguéronse para loar con grandes voces ao Señor, Deus de Israel. [20]De madrugada puxéronse en marcha cara ao deserto de Tecoa. Cando saían, Ioxafat detívose e dixo: –Xudeus e habitantes de Xerusalén, escoitádeme: Confiade no Señor, voso Deus, e subsistiredes; confiade nos seus profetas e venceredes.

[21]De acordo co pobo, dispuxo que un grupo revestido de ornamentos sagrados marchase na vangarda cantando e loando ao Señor con estas palabras: "Dádelle grazas ao Señor, porque é eterna a súa misericordia". [22]Logo que comezaron os cantos de xúbilo e de loanza, o Señor sementou discordias entre os amonitas, os moabitas e os habitantes dos montes de Seir que viñan contra Xudá, e matáronse uns aos outros. [23]Os amonitas e moabitas decidiron destruír e aniquilar aos de Seir, e cando acabaron con eles, pelexaron a morte uns cos outros. [24]Chegou Xudá ao outeiro que domina o deserto, dirixiu a súa mirada á multitude e non viu máis ca cadáveres estrados polo chan; ninguén se salvara. [25]Ioxafat e o seu exército foron pillar o botín. Encontraron moito gando, provisións, vestidos e obxectos de valor. Colleron ata non poderen con máis. O botín foi tan copioso que tardaron tres días en recollelo. [26]O cuarto día reuníronse no val de Bendición –lugar ao que lle deron este nome co que se coñece ata hoxe, porque alí bendiciron ao Señor– [27]e todos os xudeus e xerosolimitanos con Ioxafat á fronte, emprenderon a volta a Xerusalén, festexando a vitoria que o Señor lles concedera sobre os seus inimigos. [28]Unha vez en Xerusalén, desfilaron ata o templo ao son de arpas, cítaras e trompetas.

[29]Os reinos circundantes foron presa dun pánico sagrado ao saberen que o Señor loitaba contra os inimigos de Israel. [30]O reino de Ioxafat gozou de calma e o seu Deus concedeulle paz cos seus veciños. [31]Ioxafat reinou en Xudá. Tiña trinta e cinco anos cando subiu ao trono e reinou en Xerusalén vinte e cinco anos. Súa nai chamábase Azubah e era filla de Xilhí. [32]Imitou a conduta de seu pai, Asá, sen desviarse dela, facendo o que o Señor aproba. [33]Pero non desapareceron as ermidas dos outeiros e o pobo non se mantivo fiel ao Deus de seus pais.

[34]Para máis datos sobre Ioxafat, desde o principio ata a fin do seu reinado véxase a Historia de Iehú, fillo de Hananí, inserta no libro dos Reis de Israel. [35]Ioxafat de Xudá aliouse con Ocozías de Israel, aínda que este era un malvado. [36]Fíxoo para construír unha frota con destino a Tárxix; construíron as naves en Esion-Guéber. [37]Pero o marexita Eliézer, fillo de Dodavahu, profetizou contra Ioxafat, dicindo: –Por te aliares con Ocozías, o Señor destruirá a túa obra.

Efectivamente, as naves naufragaron, e non puideron ir a Tárxix.

### Ioram de Xudá

**21** [1]Morreu Ioxafat e enterrárono cos seus antepasados na cidade de David. O seu fillo Ioram sucedeuno no trono. [2]Tiña varios irmáns por parte do pai: Azarías, Iehiel, Zacarías, Azarías, Miguel e Safatías, todos eles fillos de Ioxafat de Xudá. [3]Seu pai legoulles gran cantidade de prata, ouro e obxectos

**20**, 14 *Iahziel*: cantor levita, pronuncia un oráculo. O Cronista talvez quere dicir que no seu tempo os levitas ocupan o lugar dos profetas preexílicos.
**20**, 15 Cf Is **7**, 4.
**20**, 17 *O Señor estará convosco*. A frase recorda o oráculo de Is **8**, 8-10.
**20**, 20 Cf Is **7**, 9.
**20**, 22-23 Cf Éx **38**, 21; Xuí **7**, 22.
**20**, 29 Deus loita por eles (cf Éx **14**, 14-25; Xos **10**, 14-42).
**21** O autor amplía o relato de 2 Re **8**, 16-24, para describir a figura sombría de Ioram de Xudá. O seu reinado caracterízase pola impiedade e as derrotas militares (vv. 5-11), motivadas, para o Cronista, pola súa muller Atalía.

de valor, ademais de fortalezas en Xudá; pero o trono deixoullo a Ioram por ser o primoxénito. [4]Cando se afianzou no trono de seu pai, asasinou a todos os seus irmáns e tamén a algúns xefes de Israel. [5]Tiña trinta e dous anos cando subiu ao trono e reinou en Xerusalén oito anos. [6]Imitou a conduta do rei de Israel, e as accións da casa de Ahab, porque casou cunha filla del. Fixo o que o Señor reproba. [7]Pero o Señor non quixo destruír a casa de David, por causa do pacto que fixera con David, e porque prometera manter sempre acesa a súa lámpada e a dos seus fillos.

[8]No seu tempo, Edom independizouse de Xudá e nomeou un rei. [9]Ioram foi cos seus xenerais e todos os seus carros, levantouse de noite, e aínda que desbaratou o exército idumeo, que o envolvera a el e aos oficiais do escuadrón de carros, [10]Edom independizouse de Xudá ata hoxe; tamén Libnah conseguiu daquela a independencia. Isto ocorreu por abandonar ao Señor, Deus de seus pais.

[11]Levantou ermidas nos outeiros das cidades de Xudá, induciu á idolatría aos habitantes de Xerusalén e descarreirou a Xudá. [12]O profeta Elías mandoulle dicir por escrito: "Así di o Señor, Deus de teu pai David: Por non imitares a conduta de teu pai, Ioxafat, e a de Asá, rei de Xudá, [13]senón a conduta dos reis de Israel; por fomentares a idolatría en Xudá e entre os habitantes de Xerusalén, copiando as prácticas idolátricas da casa de Ahab, e por asasinares os teus irmáns, da casa de teu pai, que valían todos máis ca ti, [14]o Señor ferirá o teu pobo, os teus fillos, as túas mulleres e as túas posesións cunha praga terrible. [15]E ti mesmo padecerás unha enfermidade grave, un cancro que che consumirá as entrañas día tras día".

[16]O Señor atizou contra Ioram a hostilidade dos filisteos e dos árabes que habitaban onda os cuxitas. [17]Subiron a Xudá, invadírona e levaron consigo todas as riquezas que encontraron no palacio, así como as mulleres e fillos. Só lle quedou o máis novo, Ioacaz. [18]Despois disto, o Señor feriulle as entrañas cunha doenza incurable. [19]Pasaron os días e ao cabo de dous anos a enfermidade consumiulle as entrañas; morreu entre atroces dores. O seu pobo non lle acendeu unha larada, como fixera cos seus predecesores. [20]Tiña trinta e dous anos cando subiu ao trono e reinou en Xerusalén oito anos. Desapareceu sen que ninguén o chorase. Enterrárono na cidade de David, pero fóra do panteón real.

### Ocozías de Xudá

**22** [1]Os habitantes de Xerusalén nomearon rei o seu fillo menor, Ocozías, porque os outros foran asasinados pola banda dos árabes que viñeran ao campamento. Así reinou Ocozías, fillo de Ioram de Xudá. [2]Tiña corenta e dous anos cando subiu ao trono, e reinou en Xerusalén un ano; súa nai chamábase Atalía e era filla de Omrí. [3]Tamén el imitou a conduta da casa de Ahab, porque súa nai o incitaba ao mal. [4]Fixo o que o Señor reproba, igual que a casa de Ahab, xa que ao morrer seu pai, eles foron os seus conselleiros, para a súa perdición. [5]Por consello seu, acompañou a Ioram, fillo de Ahab, rei de Israel, a loitar contra Hazael, rei de Siria, en Ramot de Galaad. Os sirios feriron a Ioram [6]e este volveu a Iezrael para se curar das feridas que lle inflixiran en Ramot, durante a batalla contra Hazael, rei de Siria. Entón Ocozías, fillo de Ioram, rei de Xudá, baixou a Iezrael para visitar a Ioram, fillo de Ahab, que estaba enfermo. [7]Con esta visita o Señor provocou a ruína de Ocozías. Durante a súa estancia, saíu con Ioram ao encontro de Iehú, fillo de Nimxí, a quen unxira o Señor para exterminar a dinastía de Ahab [8]e mentres Iehú facía xustiza na dinastía de Ahab, encontrou as autoridades de Xudá e os parentes de Ocozías que estaban ao seu servizo e matounos. [9]Despois buscou a Ocozías; apresárono en Samaria, onde se escondera, e levárono con eles a Iehú, que o mandou matar. Pero déronlle sepultura, pensando: Era fillo de Ioxafat, que serviu ao Señor de todo corazón. Na familia de Ocozías non quedou ninguén capaz de reinar.

### Reinado e morte de Atalía

[10]Cando Atalía, nai de Ocozías, viu que seu fillo morrera, empezou a exterminar a toda a familia real da casa de Xudá. [11]Pero cando os

**21**, 10 O remate do v. preséntase como unha xustificación relixiosa da revolta de Alba, debida á infidelidade do rei.
**21**, 12-15 O Cronista aplica agora a Xudá o que Elías dixo en relación co reino do Norte: abandonar a Deus, e seguir a conduta dos reis cismáticos, conduce a un inevitable xuízo.
**21**, 16-17 Pola infidelidade de Ioram, os que antes foran vasalos vólvense agora contra el.
**21**, 18-20 A morte de Ioram é un castigo, o pago debido á súa vida.
**22** Este c. é un resumo interpretativo de 2 Re **8**, 25-29; **9**, 14-29.
**22**, 9 A morte prematura e violenta de Ocozías é o castigo merecido pola súa conduta rexeitable.
**22**, 11 O autor subliña o matrimonio de Ioxeba co sumo sacerdote, unindo a descendencia davídica coa de Leví.

fillos do rei estaban sendo asasinados, Ioxeba, filla do rei Ioram, esposa do sacerdote Iehoiadá e irmá de Ocozías, raptou a Ioax, fillo de Ocozías, e escondeuno coa ama de cría no seu dormitorio. Así llo ocultou a Atalía, que non o puido matar. [12]Estivo escondido con elas no templo durante seis anos, mentres no país reinaba Atalía.

**23** [1]O ano sétimo Iehoiadá armouse de valor e reuniu os centurións: Azarías, fillo de Ieroham, Ismael, fillo de Iohomán, Azarías, fillo de Obed, Maseías, fillo de Adaías, e Elixafat, fillo de Zicrí. Xuramentouse con eles e percorreron Xudá [2]congregando os levitas de todas as cidades e os cabezas de familia de Israel.

Cando regresaron a Xerusalén, [3]toda a asemblea fixo no templo un pacto co rei. Logo díxolles: –Debe reinar un fillo do rei, como lle prometeu o Señor á descendencia de David. [4]Ides facer o seguinte: O terzo de vós, sacerdotes e levitas, que entra de servizo o sábado, fará garda nas portas; [5]outro terzo ocupará o palacio e o último terzo a porta do Fundamento. O pobo situarase nos adros do templo. [6]Pero que ninguén entre no templo, coa excepción dos sacerdotes e os levitas de servizo. Eles pódeno facer porque están consagrados; pero o pobo deberá observar as prescricións do Señor. [7]Os levitas rodearán o rei por todas as partes, arma en man. Se alguén quere entrar no palacio, matádeo. E estade a carón do rei, vaia onda vaia.

[8]Os levitas e os xudeus fixeron o que lles mandou o sacerdote Iehoiadá. Cada un reuniu os seus homes, os que estaban de servizo o sábado e os que quedaban libres, porque o sacerdote Iehoiadá non exceptuou ningunha das seccións. [9]O sacerdote Iehoiadá entregoulles aos oficiais as lanzas, escudos e adargas do rei David, que se gardaban no templo. [10]Colocou todo o pobo con armas curtas, desde o ángulo sur ata o ángulo norte do templo, entre o altar e o templo, para protexer o rei. [11]Entón trouxeron o príncipe, colocáronlle o diadema e as insignias, proclamárono rei, e Iehoiadá e seus fillos unxírono, aclamando: –Viva o rei!

[12]Atalía oíu o clamor da tropa que corría e aclamaba ao rei e foi cara á xente, ao templo. [13]Pero cando viu o rei en pé sobre o estrado, na entrada, e os oficiais e a banda a carón do rei, toda a poboación en festa, as trompetas tocando e os cantores acompañando os cánticos de loanza cos seus instrumentos, rachou as vestiduras e dixo: –Traizón, traizón!

[14]O sacerdote Iehoiadá ordenoulles aos oficiais que mandaban as forzas: –Sacádea do adro. A quen a siga, matádeo.

Pois non quería que a matasen no templo. [15]Fórona empurrando coas mans, e cando chegaba a palacio pola porta das Cabalerías, alí mesmo a mataron.

[16]Iehoiadá selou un pacto con todo o pobo e co rei para que fose o pobo do Señor. [17]Toda a poboación dirixiuse logo ao templo de Baal: destruírono, derrubaron os seus altares e as súas imaxes, e a Matán, sacerdote de Baal, degolárono ante o altar. [18]Iehoiadá puxo gardas no templo, ás ordes dos sacerdotes e levitas que David distribuíra na casa de Deus para ofreceren holocaustos ao Señor segundo o manda a lei de Moisés con alegría e con cánticos compostos por David. [19]Puxo porteiros nas portas do templo para que non entrase absolutamente nada impuro. [20]Logo, cos centurións, os notables, as autoridades e toda a veciñanza, sacaron do templo o rei, e levárono ao palacio pola porta Superior e instalárono no trono real. [21]Toda a poboación fixo festa e a cidade quedou tranquila. A Atalía matárana a espada.

### Ioax de Xudá

**24** [1]Ioax tiña sete anos cando subiu ao trono e reinou en Xerusalén corenta anos. Súa nai chamábase Sibías e era natural de Beerxeba. [2]Mentres viviu o sacerdote Iehoiadá, fixo o que o Señor aproba. [3]Iehoiadá procuroulle dúas mulleres e xerou fillos e fillas. [4]Máis tarde, Ioax sentiu desexos de restaurar o templo. [5]Reuniu os sacerdotes e os levitas, e díxolles: –Ide polas cidades de Xudá recollendo diñeiro de todo Israel para repararde todos os anos o templo do voso Deus. Dádevos présa.

**23** O Cronista depende de 2 Re **11**, 4-12. A revolta contra Atalía é presentada como unha especie de reforma relixiosa (vv. 16-21).
**23**, 3 *Asemblea*: termo que salienta o carácter sacro da rebelión.
**23**, 18 O Cronista concentra aquí os seus temas favoritos: levitas, ledicia e canto.

**24** O autor segue a 2 Re **12**, 1-21, para nos falar de Ioax. O seu reinado divídese en dous períodos: o primeiro, marcado polo interese na reconstrución do templo e o celo polo culto; e o segundo, sinalado pola infidelidade, que chega ao seu cumio coa morte de Azarías. As consecuencias desta derradeira etapa non poden ser peores para o rei: derrota militar e asasinato.
**24**, 5 Para 2 Re **12**, 5 eran ofrendas voluntarias.

Mais os levitas tomárono con calma. [6]Entón o rei chamou o sumo sacerdote Iehoiadá e díxolle: –Por que non te preocupaches de que os levitas cobren en Xudá e Xerusalén o tributo imposto por Moisés, servo do Señor, e pola comunidade de Israel para a Tenda da Alianza? [7]Non te dás de conta de que a malvada Atalía e os seus secuaces esnaquizaron o templo e dedicaron aos baais todos os obxectos sagrados do mesmo?

[8]Entón, por orde do rei, fixeron unha hucha e colocárona na porta do templo por fóra. [9]Logo pregoaron por Xudá e Xerusalén que había que ofrecerlle ao Señor o tributo que Moisés, servo de Deus, lle impuxera a Israel no deserto. [10]As autoridades e a poboación fixérono de boa gana e botaron diñeiro ata que se encheu a hucha. [11]Cada vez que os levitas levaban a hucha á inspección real e vían que había moito diñeiro, presentábanse un secretario do rei e un inspector do sumo sacerdote, libraban a hucha e volvían colocala no seu sitio. Así o fixeron periodicamente, reunindo unha gran suma de diñeiro.

[12]O rei e Iehoiadá entregábanllelo aos capataces da obra do templo, e estes pagaban os canteiros e carpinteiros que restauraban o templo e os ferreiros e broncistas que o reparaban. [13]Os obreiros fixeron a súa tarefa; baixo as súas mans foi rexurdindo a estrutura, ata que levantaron solidamente o templo segundo os planos. [14]Ao remataren, devolvéronlle ao rei e a Iehoiadá o diñeiro sobrante, co que fixeron obxectos para o templo, utensilios para o culto e para os holocaustos, copas e obxectos de ouro e prata. Mentres viviu Iehoiadá ofreceron holocaustos regulares no templo. [15]Este chegou a vello e morreu en idade avanzada, aos cento trinta anos. [16]Enterrárono cos reis na cidade de David, porque foi bo con Israel, con Deus e co seu templo. [17]Cando morreu Iehoiadá, as autoridades de Xudá fóronlle render homenaxe ao rei, e este seguiu os seus consellos; [18]esquecendo o templo do Señor, Deus de seus pais, deron culto ás estelas e aos ídolos. Este pecado desencadeou a cólera de Deus contra Xudá e Xerusalén. [19]Mandoulles profetas para convertelos, pero non fixeron caso das súas amoestacións. [20]Entón o Espírito de Deus apoderouse de Azarías, fillo do sacerdote Iehoiadá, que se presentou ante o pobo e díxolle: –Así fala Deus: Por que quebrantades os preceptos do Señor? Ides á ruína. Abandonastes o Señor e El abandónavos.

[21]Pero conspiraron contra el e lapidárono no adro do templo por orde do rei. [22]O rei Ioax, sen ter en conta os beneficios recibidos de Iehoiadá, matoulle o fillo, que morreu dicindo: –Que o Señor xulgue e sentencie!

[23]Ao cabo dun ano, un exército de Siria dirixiuse contra Ioax, penetrou en Xudá ata Xerusalén, matou a todos os xefes do pobo e mandoulle todo o botín ao rei de Damasco. [24]O exército de Siria era reducido, pero o Señor entregoulle un exército enorme porque o pobo abandonara o Señor, Deus de seus pais. Vingáronse así de Ioax. [25]Ao retirárense os sirios, deixándoo gravemente ferido, os seus cortesáns conspiraron contra el para vingar o fillo do sacerdote Iehoiadá. Asasinárono na cama e morreu. Enterrárono na cidade de David, pero non lle deron sepultura no panteón real. [26]Os conspiradores foron: Zabah, fillo de Ximat, a amonita, e Iehozabad, fillo de Ximrit, a moabita.

[27]Para o referente aos seus fillos, ás numerosas profecías contra el e á restauración do templo, véxase o comentario dos Anais dos Reis. O seu fillo Amasías sucedeuno no trono.

### Amasías de Xudá

**25** [1]Amasías tiña vinte e cinco anos cando subiu ao trono e reinou en Xerusalén vinte e nove anos. Súa nai chamábase Iehoadán e era natural de Xerusalén. [2]Fixo o que o Señor aproba, aínda que non de todo corazón. [3]Cando se afianzou no poder, matou os ministros que asasinaran a seu pai. [4]Pero non matou os seus fillos, conforme o libro da Lei de Moisés promulgada polo Señor: "Non serán executados os pais polas culpas dos fillos, nin os fillos polas culpas dos pais; cada un morrerá polo seu propio pecado".

**24**, 7 Para o Cronista a sorte do templo vai intimamente unida á dinastía davídica.
**24**, 15-16 A morte e sepultura de Iehoiadá son signos da bendición de Deus, que contrastan coa morte do rei apóstata Ioax (cf v. 25).
**24**, 17-22 Pasaxe ausente de 2 Re, e que interpreta a invasión aramea coma castigo da idolatría e do sacrilexio real.
**24**, 24 Cf Dt **32**, 30.
**25** Trocando a fonte de 2 Re **14**, 2-20, cando o considera oportuno, o autor divide a vida do rei, como antes fixo con Ioax, en dous períodos: de fidelidade, e conseguintemente de éxito, o primeiro; e de infidelidade e derrota, o segundo.
**25**, 4 Cf Dt **24**, 16; Xer **31**, 10; Ez **18**, 20 en contraposición coa antiga mentalidade mosaica (cf Éx **20**, 5; **34**, 7).

5Amasías reuniu os de Xudá e puxo a todos os xudeus e benxaminitas, por familias, ás ordes de xefes e oficiais. Fixo o censo dos maiores de vinte anos; resultaron trescentos mil en idade militar e equipados de espada e escudo. 6Recrutou en Israel cen mil mercenarios por cen pesos de prata. 7Pero un profeta presentouse ante el e díxolle: –Maxestade, non leves contigo o destacamento de Israel, que o Señor non está cos efraimitas. 8Se te apoias neles, Deus derrotarate fronte aos teus inimigos. Porque Deus pode dar a vitoria e a derrota.

9Amasías preguntoulle ao profeta: –E que pasa cos cen pesos de prata que lle dei ao destacamento de Israel?

O profeta contestoulle: –O Señor pódechos devolver abundantemente.

10Amasías licenciou a tropa procedente de Efraím para que volvese á súa terra. Eles indignáronse con Xudá e volvéronse para os seus lugares, enfurecidos. 11Amasías armouse de valor, tomou o mando da tropa, marchou ao val do Sal e matou dez mil seiritas. 12A outros dez mil colleunos vivos, levounos ao cume da rocha e chimpounos desde ela. Morreron todos desfeitos. 13Mentres, o destacamento que licenciara Amasías para que non loitase ao seu lado dispersouse polas cidades de Xudá desde Samaria ata Bethorón, matando tres mil persoas e capturando un gran botín. 14Cando Amasías volveu de derrotar os idumeos, trouxo consigo os deuses dos seiritas, adoptounos como deuses propios, adorounos e queimoulles incenso. 15O Señor indignouse con Amasías e mandoulle un profeta, que lle dixo: –Por que serves a uns deuses que non puideron salvar o seu pobo da túa man?

16Amasías cortouno en seco, dicíndolle: –Quen te fixo conselleiro do rei? Cala dunha vez, se non queres que te maten.

O profeta terminou con estas palabras: –Polo que fixeches e por non escoitares o meu consello, estou certo de que Deus aconsella a túa destrución.

17Despois de se aconsellar, Amasías de Xudá mandou unha embaixada a Ioax, fillo de Ioacaz, de Iehú, rei de Israel, con esta mensaxe: –Sae, que nos vexamos as caras!

18Pero Ioax de Israel mandoulle esta resposta a Amasías de Xudá: –O cardo do Líbano mandou dicir ao cedro do Líbano: "Dáme a túa filla por esposa de meu fillo". Pero pasaron as feras e esmagaron o cardo. 19Ti dis: "Derrotei a Edom"; e enchícheste de fachenda. Goza da túa gloria ficando na casa. Por que te queres meter nunha guerra catastrófica provocando a túa caída e a de Xudá?

20Pero Amasías non fixo caso, porque Deus quería entregalo nas mans de Ioax por servir os deuses de Edom. 21Entón Ioax de Israel subiu ao encontro de Amasías de Xudá en Bet-Xémex de Xudá. 22Israel derrotou os xudeus, que fuxiron á desbandada. 23En Bet-Xémex apreixou Ioax de Israel a Amasías de Xudá, fillo de Ioax de Ioacaz, e levouno a Xerusalén. Na muralla de Xerusalén abriu unha fenda de douscentos metros, desde a porta de Efraím ata a porta do Ángulo. 24Apoderouse do ouro, prata, os utensilios que se achaban no templo ao coidado de Obededom, os tesouros de palacio e os reféns, e volveu a Samaria. 25Amasías de Xudá, fillo de Ioax, sobreviviu quince anos a Ioax de Israel, fillo de Ioacaz.

26Para máis datos sobre Amasías, desde o principio ata a fin do seu reinado, véxase o libro dos Reis de Xudá e Israel. 27Cando Amasías se apartou do Señor, argallaron contra el unha conspiración en Xerusalén; fuxiu a Láquix, pero perseguírono ata Láquix e matárono alí. 28Cargárono sobre uns cabalos e enterrárono cos seus antepasados na capital de Xudá.

### Ozías (Azarías) de Xudá

**26** 1Entón Xudá en pleno tomou a Ozías, de dezaseis anos, e nomeouno rei, sucesor de seu pai Amasías. 2Despois que morreu o rei, reconstruíu Elat, devolvéndoa a Xudá. 3Ozías tiña dezaseis anos cando subiu ao trono e reinou en Xerusalén cincuenta e dous anos. Súa nai chamábase Iecolías, natural de Xerusalén. 4Fixo o que o Señor aproba, igual ca seu pai Amasías. 5Serviu ao Señor

**25**, 5-13 Estes vv. describen a loita contra Edom e o seu éxito. O Cronista, que non se pronuncia directamente sobre o censo (v. 5), faino condenando calquera alianza con Israel (vv. 6-8) e reafirmando que o Señor é quen dá a vitoria ou a derrota (v. 8).
**25**, 14-16 Para o Cronista hai unha estreita relación entre a apostasía e a ira de Iavé.
**25**, 18 Fábula popular semellante á de Xuí **9**, 8-15, na que se subliña o orgullo do rei do Norte.
**26** O autor, partindo de 2 Re **15**, 1-7 ofrece dúas imaxes de Ozías (Azarías): ao comezo do seu reinado, preséntao como home pío e cheo de prosperidade (vv. 6-15); máis adiante, como home feble, enfermo, pola súa infidelidade ao Señor (vv. 16-23).
**26**, 1 *Ozías*. En 2 Re **14**, 21-22; **15**, 1-8, o nome hebreo é "Azariah". Algúns ven no segundo o nome familiar.
**26**, 5 *Zacarías* desenvolve un papel na vida de Ozías semellante ao de Iehoiadá na de Ioax (cf **24**, 2).

mentres viviu Zacarías, que o educara no temor de Deus; mentres serviu ao Señor, Deus fixoo triunfar. [6]Saíu a loitar contra os filisteos, derrubou as murallas de Gat e Iábneh e Axdod, e construíu cidades en Axdod e no territorio filisteo. [7]Deus axudouno na guerra contra os filisteos, contra os árabes que habitaban en Gur-Baal e contra os meunitas. [8]Os amonitas pagaron tributo a Ozías, e chegou a ser tan poderoso que a súa fama se estendeu ata a fronteira de Exipto. [9]En Xerusalén Ozías construíu e fortificou torres na porta do Ángulo, na porta do Val e na Esquina. [10]Tamén levantou torres no deserto e cavou moitos pozos para o abundante gando, que posuía na chaira e na meseta; tamén tiña labradores e viñateiros nos montes e nas veigas, porque a Ozías gustáballe o campo.

[11]Dispuxo dun exército en pé de guerra agrupado en escuadróns segundo o censo efectuado polo secretario Ieiel e o comisario Maseías por orde de Ananías, funcionario real. [12]O número das cabezas de familia ao mando de soldados era dous mil seiscentos. [13]Tiñan ás súas ordes un exército de trescentos sete mil cincocentos guerreiros valentes, que loitaban contra os inimigos do rei. [14]Ozías equipou a toda a tropa con adargas, lanzas, helmos, coirazas, arcos e tirafondas. [15]Fixo uns artefactos, inventados por un enxeñeiro, que lanzaban frechas e pedrolos; colocounos nas torres e nos ángulos de Xerusalén. Coa axuda prodixiosa de Deus, fixose forte e a súa fama chegou ata moi lonxe. [16]Pero ao facerse poderoso, a soberbia arrastrouno á perdición. Rebelouse contra o Señor, seu Deus, entrando no templo para queimar incenso no altar dos perfumes.

[17]O sacerdote Azarías e oitenta valentes sacerdotes foron tras el, [18]plantáronse ante o rei Ozías e dixéronlle: –Ozías, a ti non che corresponde queimar incenso ao Señor. Só poden facelo os sacerdotes aharonitas, consagrados para iso. Sae do santuario, que o teu pecado non te honra perante o Señor.

[19]Ozías, que tiña o incensario na man, indignouse cos sacerdotes, e no mesmo momento, no templo, diante dos sacerdotes, onda o altar dos perfumes, a lepra brotou na súa fronte. [20]Botárono de alí, mentres el mesmo se apresuraba a saír, ferido polo Señor. [21]O rei Ozías seguiu leproso ata o día da súa morte. Viviu na leprosería, con prohibición de acudir ao templo. O seu fillo Iotam encargouse da corte e de xulgar a poboación. [22]Para máis datos sobre Ozías, desde o principio ata a fin do seu reinado, véxase o libro do profeta Isaías, fillo de Amós. [23]Cando morreu enterrárono cos seus antepasados no campo do cemiterio real, considerando que era un leproso. O seu fillo Iotam sucedeuno no trono.

### Iotam de Xudá

**27** [1]Cando subiu ao trono, Iotam tiña vinte e cinco anos, e reinou en Xerusalén dezaseis anos. Súa nai chamábase Ieruxah, filla de Sadoc. [2]Fixo o que o Señor aproba, igual ca seu pai Ozías. Pero non ía ao templo, e o pobo seguía corrompéndose. [3]Construíu a porta Superior do templo e fixo moitas obras na muralla de Ofel. [4]Construíu cidades na serra de Xudá e levantou fortalezas e torres nos baldíos. [5]Loitou contra o rei dos amonitas e venceuno. Os amonitas pagáronlle aquel ano cen pesos de prata, dez mil toneis de trigo e dez mil de cebada; e igual cantidade os dous anos seguintes. [6]Iotam fíxose poderoso porque procedeu rectamente ante o Señor, o seu Deus. [7]Para máis datos sobre Iotam, as súas guerras e empresas, véxase o libro dos Reis de Israel e Xudá. [8]Subiu ao trono á idade de vinte e cinco anos e reinou en Xerusalén dezaseis anos. [9]Cando morreu enterrárono na cidade de David. O seu fillo Ahaz sucedeuno no trono.

### Ahaz de Xudá

**28** [1]Cando subiu ao trono Ahaz tiña vinte anos e reinou en Xerusalén dezaseis anos. Non fixo, coma o seu antepasado David, o que o Señor aproba. [2]Imitou ao rei de Israel, facendo estatuas aos baais. [3]Queimaba incenso no val de Ben-Hinnom e incluso

**26**, 7 *Deus axudouno*. Deste xeito cúmprese o que o nome de Azarías significa literalmente: Deus axúdao.
**26**, 16 *A soberbia*: pecado condenado por Dt **9**, 4-6. Ozías viola as leis cultuais (cf Éx **30**, 7-9; Núm **18**, 1-7), cousa que para o Cronista é unha usurpación (v. 18) e que condenará ao rei coa maldición de Deus manifestada na lepra (v. 19). Casos semellantes non faltan no A. T. (cf Núm **12**, 10).
**27** O Cronista narra agora a historia de Iotam, servíndose de 2 Re **15**, 32-38. Grazas ás omisións deliberadas (cf v. 2 e 2 Re **15**, 35), a imaxe que nos ofrece deste rei é altamente positiva.
**28** O autor preséntanos agora a Ahaz como o peor dos reis da dinastía davídica, pola súa infidelidade e impiedade. Esta imaxe negativa valeralle para presentar, por contraste, a grandeza do rei Ezequías. Inspírase, máis que nada, en 2 Re **16**, 2-4. 19-20.
**28**, 2 Ao comparalo cos reis de Israel, o Cronista dá o peor xuízo que se pode dar dun rei de Xudá.
**28**, 3 *Ben-Hinnom*: Cf nota a Xos **18**, 16.

sacrificou o seu fillo na fogueira, segundo costume aborrecible das nacións que o Señor expulsara ante os israelitas. [4]Sacrificaba e queimaba incenso nos outeiros, nas lombas e baixo as árbores frondosas. [5]O Señor, seu Deus, entregouno nas mans do rei sirio, que o derrotou, capturou numerosos prisioneiros e levounos a Damasco. Tamén o entregou nas mans do rei de Israel, que lle inflixiu unha gran derrota. [6]Pécah, fillo de Romelías, matou nun só día cento vinte mil xudeus, pois abandonaron o Señor, Deus de seus pais. [7]E Zicrí, un soldado de Efraím, matou a Maseías, fillo do rei, a Azricam, mordomo do palacio, e ao primeiro ministro Elcanah. [8]Entre mulleres, fillos e fillas, os israelitas colleron a seus irmáns douscentos mil prisioneiros; apoderáronse tamén dun gran botín e levárono a Samaria.

[9]Había alí un profeta do Señor, chamado Oded. Cando o exército volvía a Samaria, saíu ao seu encontro e díxolles: –O Señor, Deus de vosos pais, indignado con Xudá, púxoo nas vosas mans. Pero a saña con que os matastes clama ao ceo. [10]E por riba pensades en converter en escravos e escravas os habitantes de Xudá e Xerusalén. Non pecastes xa bastante contra o Señor, voso Deus? [11]Facédeme caso e devolvede os vosos irmáns que collestes prisioneiros, porque vos ameaza a ardente cólera do Señor.

[12]Algúns xefes efraimitas Azarías, fillo de Iohanán, Berequías, fillo de Mexilemot, Ezequías, fillo de Xalum, e Amasá, fillo de Hadlai, puxéronse tamén en contra do exército que volvía, [13]e dixéronlles: –Non metades aquí eses prisioneiros, porque seriamos reos ante o Señor. Bastante pecamos xa para que vos dediquedes a aumentar as nosas faltas e culpas irritando ao Señor contra Israel.

[14]Entón os soldados deixaron os prisioneiros e o botín á disposición das autoridades e da comunidade. [15]Designaron expresamente a algúns para que se fixesen cargo dos cativos. Os que estaban espidos vestíronos con traxes e sandalias do botín; logo déronlles de comer e beber, unxíronos, montaron en burros aos que non podían camiñar e levárono a Iericó, a cidade das palmeiras, con seus irmáns. Deseguido, volvéronse a Samaria. [16]Por entón, o rei Ahaz mandou unha embaixada ao rei de Asiria para pedirlle axuda. [17]Os idumeos fixeran unha nova incursión, derrotando a Xudá e collendo prisioneiros. [18]Os filisteos saquearon as cidades da Xefelah e do Négueb de Xudá, apoderándose de Bet-Xémex, Aiabón, Guederot, Socó e a súa comarca, Timnah e a súa comarca, Guimzó e a súa comarca, establecéndose nelas. [19]O Señor humillaba a Xudá por culpa de Ahaz, que trouxera o desenfreo a Xudá, e mostrábase rebelde ao Señor. [20]Pero Teglatpeléser, rei de Asiria, en vez de axudalo, marchou contra el e cercouno.

[21]E aínda que Ahaz espoliou o templo, o palacio e as casas das autoridades para gañar a vontade do rei, non lle serviu de nada. [22]Incluso durante o asedio seguiu rebelándose contra o Señor. [23]Ofreceulles sacrificios aos deuses de Damasco que o derrotaran, pensando: Os deuses de Siria si que axudan aos seus reis. Ofrecereilles sacrificios para que me axuden a min. Pero foron a súa ruína e a de Israel.

[24]Ahaz reuniu os obxectos do templo e fíxoos anacos; pechou as portas do templo, construíu altares en todos os recantos de Xerusalén [25]e levantou ermidas en todas as cidades de Xudá para queimar incenso a deuses estraños, irritando ao Señor, Deus de seus pais. [26]Para as súas restantes actividades e empresas, do principio á fin do seu reinado, véxase o libro dos Reis de Xudá e Israel. [27]Cando Ahaz morreu, non o levaron ao panteón real de Xudá, senón que o enterraron na cidade, en Xerusalén. O seu fillo Ezequías sucedeuno no trono.

### Ezequías de Xudá

**29** [1]Cando Ezequías subiu ao trono tiña vinte e cinco anos e reinou en Xerusalén vinte e nove anos. A súa nai chamábase Abía, filla de Zacarías. [2]Fixo o que o Señor aproba, igual ca o seu antepasado David. [3]O ano primeiro do seu reinado, o mes de marzo, abriu e restaurou as portas do templo. [4]Fixo vir os sacerdotes e levitas, reuniunos na praza de Oriente [5]e díxolles: –Escoitáde-

**28**, 9-11 Facer escravos aos irmáns estaba prohibido pola lei (Lev **25**, 39-43). Israel supera os límites de xusto castigo contra Xudá, como noutro tempo fixeron os asirios (cf Is **10**, 15; Zac **1**, 12-15).

**28**, 15 O Cronista non pode menos de destacar este xesto xeneroso dos samaritanos, así como a súa obediencia ao profeta de Deus (cf Lc **10**, 25-37).

**28**, 20 Estraña a omisión da intervención de Isaías perante o rei (Is **7**, 14).

**29-32** O Cronista dedica particular atención á reforma de Ezequías, como unha volta a David e Salomón. A noticia de 2 Re **18**, 4 é ampliada cumpridamente. Probablemente o autor terá presente a reforma de Ioxías (cf cc. **34-35**), xa que en ambos os dous se encontran os mesmos elementos.

**29**, 3 *Abriu...as portas*: as que Ahaz pechara (**28**, 24). Comeza unha nova era.

**29**, 5 *Purificádevos*: cf Éx **19**, 10-11. Impureza: indica o culto pagán (cf 2 Re **16**, 10-12).

me, levitas: purificádevos e purificade o templo do Señor, Deus de vosos pais. Sacade do santuario a impureza, [6]porque os nosos pais pecaron, fixeron o que reproba o Señor noso Deus, abandonárono e despreocupáronse por completo da morada do Señor. [7]Por se fose pouco, pecharon as portas da nave, apagaron as lámpadas e deixaron de queimar incenso e de ofrecer holocaustos no santuario do Deus de Israel. [8]Entón o Señor indignouse con Xudá e Xerusalén, e fixoos obxecto de estupor, de espanto e de burla, como puidestes ver cos vosos propios ollos. [9]Os nosos pais morreron a espada e os nosos fillos, fillas e mulleres marcharon ao desterro por este motivo. [10]Agora teño o propósito de selar unha alianza co Señor, Deus de Israel, para que cese na súa ira contra nós. [11]Polo tanto, meus fillos, non sexades neglixentes, que o Señor vos elixiu para estardes na súa presenza, servilo, ser os seus ministros e queimar incenso.

[12]Entón os levitas: Máhat, fillo de Amasai, e Ioel, fillo de Azarías, descendentes de Quehat, Quix fillo de Abdí, e Azarías fillo de Iehalelel, descendentes de Merarí; Ioah, fillo de Zimah, e Edén fillo de Ioah, descendentes de Guerxom; [13]Ximrí e Ieiel, descendentes de Elisafán; Zacarías e Matanías, descendentes de Asaf; [14]Iehiel e Ximí, descendentes de Hemán; Semaías e Uziel, descendentes de Iedutún, [15]reuniron a seus irmáns, purificáronse e foron purificar o templo, como dispuxera o rei por orde do Señor. [16]Os sacerdotes penetraron no interior do templo para purificalo; sacaron para o adro todas as cousas impuras que encontraron no templo, e os levitas colléronas e chimpáronas fóra, ao torrente Cedrón. [17]A tarefa de purificación comezou o día un do mes primeiro; o oito chegaron á nave do templo, e durante outros oito días purificaron o templo, acabando o dezaseis do mesmo mes.

[18]Presentáronse logo ao rei Ezequías e dixéronlle: –Xa purificamos todo o templo: o altar dos holocaustos, con todos os seus utensilios e a mesa dos pans presentados, con todos os seus utensilios. [19]Tamén reparamos e purificamos todos os obxectos que o rei Ahaz profanou coa súa rebeldía durante o seu reinado. Deixámolos diante do altar do Señor.

[20]Moi de mañá, o rei Ezequías reuniu as autoridades da cidade e subiu ao templo. [21]Levaron sete touros, sete carneiros, sete años e sete machos cabrúns como sacrificio expiatorio pola monarquía, polo santuario e por Xudá. Logo ordenoulles aos sacerdotes aharonitas que os ofrecesen sobre o altar do Señor. [22]Sacrificaron os touros, e os sacerdotes recolleron o sangue e vertérono sobre o altar; sacrificaron os años e derramaron o sangue sobre o altar. [23]Logo levaron os machos cabrúns da expiación diante do rei e da comunidade para que lles impuxesen as mans. [24]Os sacerdotes degoláronos e derramaron o sangue sobre o altar para obter o perdón de todo Israel, xa que o rei ordenara que o holocausto e o sacrificio de expiación fosen por todo Israel. [25]O rei instalara os levitas no templo, con pratiños, arpas e cítolas, como o dispuxeran David, Gad o vidente do rei, e o profeta Natán. A orde era de Deus, por medio dos seus profetas. [26]Así, pois, achábanse presentes os levitas cos instrumentos de David e os sacerdotes coas trompetas.

[27]Ezequías deu orde de ofrecer o holocausto ante o altar, e no mesmo instante en que empezou o holocausto, comezou o canto do Señor e o son das trompetas, acompañados dos instrumentos de David, rei de Israel. [28]Ata que acabou o holocausto toda a comunidade permaneceu prostrada, mentres continuaban os cantos e resoaban as trompetas. [29]Cando acabou, o rei e o seu séquito prostráronse en adoración. [30]Logo Ezequías e as autoridades pedíronlles aos levitas que loasen ao Señor con cancións de David e do vidente Asaf. Fixérono con ton festivo e adoraron ao Señor facendo reverencia. [31]Logo Ezequías tomou a palabra e dixo: –Agora quedades consagrados ao Señor. Achegádevos e ofrecede sacrificios de acción de grazas polo templo.

A comunidade ofreceu sacrificios de acción de grazas e as persoas xenerosas holocaustos.

[32]O número de vítimas que ofreceu a comunidade foi de setenta touros, cen carneiros e douscentos años, todos en holocausto ao Señor. [33]As ofrendas sagradas foron seiscentos touros e tres mil ovellas. [34]Como os sacerdotes eran poucos e non daban feito para degolar tantas vítimas, axudáronos seus irmáns os levitas, ata que terminaron a tarefa e se purificaron os sacerdotes (porque os levitas se mostraron máis dispostos a purificarse ca os sacerdotes). [35]Houbo moitos holocaustos, ademais da graxa dos sacrificios de comuñón e das libacións dos holocaustos. Así restableceuse o culto do templo. [36]Ezequías e o pobo

**29**, 21 O ritual inspírase en Lev **4**.

**29**, 25-30 O Cronista subliña a continuidade do novo culto, instaurado por Ezequías, co culto davídico.

alegráronse de que Deus movese ao pobo, porque todo sucedeu nun abrir e pechar os ollos.

**30** [1]Ezequías mandou mensaxeiros por todo Israel e Xudá, e escribiulles cartas a Efraím e Menaxés para que acudisen ao templo de Xerusalén, co fin de celebrar a Pascua do Señor, Deus de Israel. [2]O rei, as autoridades e toda a comunidade de Xerusalén decidiron en consello celebrar a Pascua durante o mes de maio, [3]xa que non puideran facelo ao seu debido tempo porque quedaban moitos sacerdotes sen purificarse e o pobo non se reunira aínda en Xerusalén. [4]Ao rei e a toda a comunidade pareceulles acertada a decisión. [5]Entón acordaron pregoar por todo Israel, desde Beerxeba ata Dan, que viñesen a Xerusalén celebrar a Pascua do Señor, Deus de Israel, porque moitos non a celebraban como está mandado.

[6]Os mensaxeiros percorreron todo Israel e Xudá levando as cartas do rei e das autoridades e pregoando por orde do rei: –Israelitas, volvede ao Señor, Deus de Abraham, de Isaac e de Israel, e o Señor volverá estar con todos os superviventes do poder dos reis asirios. [7]Non sexades coma vosos pais e irmáns, que se rebelaron contra o Señor, Deus de seus pais, e este converteunos en obxecto de espanto, como vós mesmos podedes ver. [8]Non sexades testáns coma vosos pais. Entregádevos ao Señor, acudide ao santuario que foi consagrado para sempre. Servide ao Señor, voso Deus, e El apartará de vós o ardor da súa cólera. [9]Se vos convertedes ao Señor, os que deportaron a vosos irmáns e fillos sentirán compaixón deles e deixaranos volver a este país. Porque o Señor, voso Deus, é clemente e misericordioso, e non vos volverá as costas se volvedes a El.

[10]Os mensaxeiros percorreron de cidade en cidade a terra de Efraím e Menaxés ata Zebulón, pero ríanse e burlábanse deles. [11]Só algúns de Axer, Menaxés e Zebulón se mostraron humildes e acudiron a Xerusalén. [12]Os xudeus, por graza de Deus, cumpriron unánimes o que o Señor dispuxera por orde do rei e das autoridades. [13]O mes de maio reuniuse en Xerusalén unha gran multitude para celebrar a festa dos pans Ácimos; foi unha asemblea numerosísima. [14]Suprimiron todos os altares que había por Xerusalén e eliminaron todas as aras de incensar, guindándoas ao torrente Cedrón. [15]O catorce de maio inmolaron a Pascua. Os sacerdotes levíticos confesaron os seus pecados, purificáronse e levaron holocaustos ao templo. [16]Cada un ocupou o posto que lle correspondía segundo a Lei de Moisés, home de Deus; os sacerdotes derramaban o sangue que lles pasaban os levitas. [17]Como moitos da comunidade non se purificaran, os levitas encargáronse de inmolar os años pascuais de todos os que non estaban puros para consagralos ao Señor. [18]Gran número de persoas, na súa maioría de Efraím, Menaxés, Isacar e Zebulón, non observaron o prescrito e comeron a Pascua sen se purificaren. Pero Ezequías intercedeu por eles dicindo: –O Señor, que é bo, perdoe a todos os que serven de corazón a Iavé, [19]Deus de seus pais, aínda que non teñan a pureza ritual.

[20]O Señor escoitou a Ezequías e curou o pobo. [21]Os israelitas que se encontraban en Xerusalén celebraron a festa dos Ácimos durante sete días con gran xúbilo. Os sacerdotes e levitas loaban ao Señor día tras día con todo entusiasmo. [22]Ezequías felicitou os levitas polas súas boas disposicións co Señor. Pasaron os sete días de festa ofrecendo sacrificios de comuñón e confesando ao Señor, Deus de seus pais. [23]Logo a comunidade decidiu prolongar a festa outros sete días. E puideron facelo, con gran xúbilo, [24]porque Ezequías, rei de Xudá, proporcionoulles mil touros e sete mil ovellas, e as autoridades, outros mil touros e dez mil ovellas. Ademais purificáronse moitos sacerdotes. [25]A alegría reinaba entre a comunidade de Xudá, entre os sacerdotes, os levitas, os que viñeran de Israel, os estranxeiros procedentes de Israel e os residentes en Xudá. [26]Unha festa tan magnífica non se acordaba en Xerusalén desde os días de Salomón, fillo de David, rei de Israel.

[27]Os sacerdotes levíticos levantáronse para bendicir o pobo. O Señor escoitou a súa voz e a pregaria chegou ata a súa santa morada dos ceos.

**30** A celebración da Pascua é a segunda fase da reforma de Ezequías. Israel parece renacer; as portas da plena reconciliación entre o Norte e o Sur están abertas. Ezequías preséntase como o restaurador da unidade do pobo de Deus.
**30**, 2 Un precedente deste retraso xa o atopamos en Núm **9**, 6-13.
**30**, 6-9 O discurso de Ezequías mira especialmente á unidade de todo o pobo, desde Beerxeba a Dan (cf v. 5). A verba clave é "xub", volver, converterse.
**30**, 13 Neste tempo a festa dos pans Ácimos estaba unida á Pascua (cf Dt **16**, 1-8).
**30**, 18-20 Prevalece a disposición interior por riba da pureza ritual.
**30**, 23 Outros sete días como no tempo da dedicación (**7**, 8-9).

**31** [1]Rematada a festa, todos os israelitas presentes percorreron as cidades de Xudá destruíndo os cipos, crebando as estelas e derrubando as ermidas e os altares de todo Xudá, Benxamín, Efraím e Menaxés ata que non quedou ningún. Logo cada un volveu á súa casa e cidade. [2]Ezequías organizou por clases os sacerdotes e levitas, asignándolle a cada un a súa función sacerdotal ou levítica: ofrecer holocaustos e sacrificios de comuñón, dar grazas e loar e servir á entrada dos campamentos do Señor. [3]Destinou parte dos bens da coroa a toda clase de holocaustos: matutinos e vespertinos, dos sábados, principios de mes e festividades, como manda a Lei do Señor. [4]Aos habitantes de Xerusalén ordenoulles axudar economicamente aos sacerdotes e levitas para que se puidesen dedicar á Lei do Señor. [5]Cando se espallou a orde, os israelitas recolleron as primicias do trigo, do mosto, do aceite, do mel e de todos os produtos agrícolas e entregaron abundantes décimos de todo. [6]Tamén os israelitas e xudeus que habitaban nas cidades de Xudá entregaron o décimo do gando maior e menor e o décimo das cousas sacrosantas dedicadas ao Señor, dispoñéndoos en montóns. [7]Comezaron a facer os montóns en maio e terminaron en outubro. [8]Cando chegaron Ezequías e as autoridades, ao veren os montóns, bendiciron ao Señor e ao seu pobo, Israel. [9]Ezequías pediu aos sacerdotes e levitas que o informasen sobre eles.

[10]O sumo sacerdote Azarías, da familia de Sadoc, díxolles: –Desde que comezaron a traer ofrendas ao templo, comemos a fartar, pero sobrou moito, porque o Señor bendiciu ao seu pobo. Toda esta cantidade é o que sobrou.

[11]Ezequías deu orde de preparar uns silos no templo. Cando o fixeron, [12]levaron fielmente as ofrendas, o décimo e os dons sacrosantos. Encargaron deles ao levita Conanías e a seu irmán Ximí coma axudante. Por orde do rei Ezequías e de Azarías, prefecto do templo, nomearon inspectores a [13]Iehiel, Azaías, Náhat, Asahel, Ierimot, Iozabad, Eliel, Ismaquías, Máhat e Benaías, ás ordes de Conanías e de seu irmán Ximí. [14]O levita Coré, fillo de Imnah, porteiro da porta de Oriente, estaba encargado das ofrendas voluntarias e de administrar as ofrendas do Señor e os dons sacrosantos. [15]Ás súas ordes estaban Edén, Miniamín, Xesús, Semaías, Amarías e Xecanías, repartidos polas cidades sacerdotais para aprovisionaren permanentemente a seus irmáns segundo ás súas clases, fosen grandes ou pequenos, [16]con tal de que estivesen inscritos entre os homes a partir dos tres anos; é dicir, provían a todos os que entraban diariamente ao servizo do templo para realizar as funcións asignadas ás súas clases. [17]Os sacerdotes estaban rexistrados por familias; e os levitas a partir dos vinte anos polas súas funcións e clases. [18]Debíanse rexistrar con toda a súa familia, mulleres, fillos e fillas, todo o grupo, porque habían de ser fieis á súa consagración. [19]Respecto aos sacerdotes aharonitas que vivían nos arrabaldes das cidades, en todas elas había persoas encargadas nominalmente de prover aos sacerdotes homes e a todos os levitas inscritos no rexistro. [20]Ezequías impuxo esta norma en todo Xudá. Actuou con bondade, rectitude e fidelidade de acordo co Señor, seu Deus. [21]Todo o que emprendeu ao servizo do templo, da Lei e dos preceptos, fíxoo servindo ao seu Deus de todo corazón. Por iso tivo éxito.

**32** [1]Despois destes actos de lealdade, Senaquerib, rei de Asiria, púxose en marcha, chegou a Xudá, cercou as fortalezas e deu orde de conquistalas. [2]Ezequías advertiu que Senaquerib viña disposto a atacar Xerusalén. [3]Reunido en consello coas autoridades civís e militares, propuxo cegar as fontes de auga que había fóra da cidade e mostráronse de acordo. [4]Reuniron moita xente e cegaron todas as fontes e o torrente que atravesaba a cidade, dicíndose: –Só falta que cando veña o rei de Asiria encontre auga en abundancia.

[5]Con grande enerxía reparou toda a muralla derruída, coroouna con torres, edificou unha barbacá, fortificou a zona do terraplén

**31** Este c. é propio do Cronista. Só algunhas expresións dependen de 2 Re **18**, 3-4. As medidas tomadas por Ezequías lembran as de Nehemías.
**31**, 1 Probablemente o Cronista atribúe a este momento o que se fixera no reinado de Ioxías (cf 2 Re **23**).
**31**, 10 *Bendiciu*. A bendición é a recompensa pola observancia da lei (cf Lev **25**, 19-22; Ax **2**, 16-18).
**31**, 17 Cf 1 Cro **23**, 7-23.
**31**, 18 Cf Lev **21**.
**31**, 19 Cf Lev **25**, 34.

**31**, 21 *Tivo éxito*. A recompensa acompaña o celo pola causa de Deus (**14**, 6; **18**, 11; **20**, 20).
**32** Este c. narra con profusión de detalles a invasión de Senaquerib (vv. 1-23) e a enfermidade-curación do rei (vv. 24-33). Para a primeira parte, o Cronista sérvese de 2 Re **18**, 13-**19**, 36 e Is **36-37**; para a segunda, de 2 Re **20**, 1-19 e Is **38**. O contraste entre o autor e as fontes é grande. Aquí Ezequías é forte e valente, nada teme do rei de Asiria; nas fontes, o rei aparece vacilante e falto de fe. A comparanza entre este c. e 2 Re **18-19** é un magnífico exemplo para ver como o Cronista trata as fontes.

da cidade de David, e fixo numerosas armas curtas e adargas. 6Nomeou xefes militares ao mando da poboación, reuniunos na praza Maior e arengounos con estas palabras: 7–Ánimo e valor! Non vos asustedes nin acovardedes ante o rei de Asiria e a multitude que o segue. Nós contamos con algo máis grande ca el. 8El conta con forzas humanas, nós co Señor, noso Deus, que nos auxilia e guerrea connosco.

O pobo animouse coas palabras de Ezequías, rei de Xudá. 9Máis tarde, mentres Senaquerib, rei de Asiria, cercaba Láquix con todas as súas tropas, mandou uns mensaxeiros a Xerusalén para que lles dixesen a Ezequías, rei de Xudá, e a todos os xudeus que se encontraban en Xerusalén: 10–Así di Senaquerib, rei de Asiria: En que confiades para seguir nunha cidade cercada coma Xerusalén? 11Non vedes que Ezequías vos está enganando e vos leva a morrer de fame e de sede cando di: "O Señor, noso Deus, salvaranos da man do rei de Asiria"? 12Non foi el quen suprimiu as súas ermidas e os seus altares ordenando a xudeus e xerosolimitanos que se prostren e queimen incenso ante un só altar? 13Non sabedes o que fixen eu e o que fixeron os meus antepasados con todos os pobos do mundo? Acaso os deuses deses pobos puideron librar os seus territorios da miña man? 14Que deus deses pobos que exterminaron os meus antepasados conseguiu librar a súa xente da miña man? E vaivos poder salvar o voso Deus? 15Non vos deixedes enganar e seducir por Ezequías. Non confiedes nel. Ningún deus de ningunha nación ou reino puido librar o seu pobo da miña man e da dos meus antepasados. E vaivos poder librar o voso Deus...!

16Os mensaxeiros seguiron falando contra o Señor Deus e contra o seu servo Ezequías. 17Senaquerib escribira tamén unha mensaxe inxuriando o Señor, Deus de Israel, e dicindo contra El: "O mesmo que os deuses nacionais non libraron os seus pobos da miña man, tampouco o Deus de Ezequías non librará o seu pobo".

18Falaban a voces, en hebreo, ao pobo de Xerusalén que se encontraba na muralla, para atemorizalo e amedrentalo co fin de se apoderaren da cidade. 19Falaron do Deus de Xerusalén coma se se tratase dun deus calquera, fabricado por homes. 20O rei Ezequías e o profeta Isaías, fillo de Amós, puxéronse en oración con este motivo e clamaron ao ceo. 21Entón o Señor mandou un anxo, que aniquilou todos os soldados e os xefes e oficiais do campamento do rei asirio. Este volveu ao seu país derrotado, e unha vez que entrou no templo do seu deus, asasinárono alí os seus propios fillos. 22O Señor salvou a Ezequías e aos habitantes de Xerusalén das mans de Senaquerib, rei de Asiria, e de todos os inimigos, concedéndolles paz nas fronteiras. 23Moita xente veu a Xerusalén para lle ofreceren dons ao Señor e presentes a Ezequías de Xudá, que daquela adquiriu gran prestixio en todas as nacións. 24Daquela, Ezequías enfermara de morte. Orou ao Señor, que lle prometeu sandalo e lle concedeu un prodixio. 25Pero Ezequías non correspondeu a este beneficio, ao contrario, envaideceu e atraeu sobre si, sobre Xudá e sobre Xerusalén a cólera do Señor. 26Pero logo arrepentiuse do seu orgullo xunto con todos os habitantes de Xerusalén, e o Señor non se volveu alporizar contra eles na vida de Ezequías. 27Ezequías tivo gran riqueza e prestixio. Acugulou gran cantidade de prata, ouro, pedras preciosas, perfumes, adargas e obxectos de valor de todas as clases; 28construíu silos para as colleitas de trigo, mosto e aceite, cortes para todo tipo de gando e curros para os rabaños. 29Edificou cidades e reuniu un inmenso rabaño de ovellas e vacas, porque Deus lle concedeu moitísimos bens.

30Foi Ezequías quen cegou a saída superior das augas de Guihón e desviounas por un subterráneo á parte occidental da cidade de David. Triunfou en todas as súas empresas; 31e cando os príncipes de Babilonia lle enviaron mensaxeiros para se informaren do prodixio que sucedera no seu país, se Deus o abandonou foi para pólo á proba e coñecer as súas intencións. 32Para máis datos sobre Ezequías e sobre as súas obras de piedade, véxanse o libro do profeta Isaías, fillo de Amós, e o libro dos Reis de Xudá e Israel.

**32**, 6-8 Ezequías exhorta ao pobo a poñer a súa confianza en Deus. As alusións bíblicas da súa alocución son numerosas (cf Dt **31**, 6; Xos **10**, 25). A súa actitude contrasta coa do inimigo, que pon a súa confianza nas armas (cf Is **31**, 3; Xer **17**, 5). O tema de Deus combatendo en favor do seu pobo é frecuente no A. T. (cf Éx **14**, 14).

**32**, 20 Única mención do profeta Isaías, que desaprobara o medo de Ezequías (cf Is **22**, 11).

**32**, 25 *A cólera do Señor*: probable alusión a Is **39**, 5-7.

**32**, 27-29 Ezequías, polas súas riquezas, aparece como o novo Salomón.

**32**, 31 A enfermidade, segundo o cronista e contrariamente á fonte, non é un castigo, senón unha proba da que Ezequías sae airoso.

[33]Cando morreu Ezequías enterrárono na
costa das tumbas dos descendentes de David.
Os xudeus e a poboación de Xerusalén dedi-
cáronlle un gran funeral. O seu fillo Menaxés
sucedeuno no trono.

### Menaxés de Xudá

**33** [1]Menaxés tiña doce anos cando subiu
ao trono, e reinou en Xerusalén cin-
cuenta e cinco anos. [2]Fixo o que o Señor
reproba, imitando os costumes abominables
das nacións que o Señor expulsara ante os
israelitas. [3]Reconstruíu as ermidas dos outei-
ros derruídas por seu pai Ezequías, levantou
altares aos baais, erixiu estelas, adorou e deu
culto a todo o exército do ceo; [4]puxo altares
no templo do Señor, do que o Señor dixera:
"O meu nome estará en Xerusalén por sem-
pre". [5]Edificou altares a todo o exército do
ceo nos dous adros do templo, [6]queimou os
seus fillos no val de Ben-Hinnom: practicou
a adiviñación, a maxia e a feitizaría, e insti-
tuíu nigromantes e adiviños. Facía continua-
mente o que o Señor reproba, alporizándoo.
[7]A imaxe do ídolo que fabricara colocouna
no templo de Deus, do que Deus dixera a Da-
vid e ao seu fillo Salomón: "Neste templo e
en Xerusalén, que elixín entre todas as tribos
de Israel, poñerei o meu nome por sempre;
[8]xa non deixarei que Israel ande lonxe da te-
rra que lles asignei aos vosos pais, coa con-
dición de que poñan por obra canto lles man-
dei, seguindo a Lei, os preceptos e normas de
Moisés".

[9]Pero Menaxés descamiñou a Xudá e a
poboación de Xerusalén para que se portase
peor do que as nacións que o Señor exter-
minara ante os israelitas. [10]O Señor dirixiu a
súa palabra a Menaxés e ao seu pobo, pero
non lle fixeron caso. [11]Entón fixo vir contra
eles os xenerais do rei de Asiria, que apre-
saron a Menaxés con garfos, atárono con
cadeas de bronce e conducírono a Babilonia.
[12]Na súa angustia procurou aplacar ao Señor
seu Deus, e humillouse profundamente ante
o Deus de seus pais e suplicoulle. [13]O Señor
atendeuno con benignidade, escoitou a súa
súplica e fíxoo volver a Xerusalén, ao seu
reino. Menaxés recoñeceu que o Señor é o
verdadeiro Deus.

[14]Máis tarde construíu unha barbacá na
cidade de David, desde o oeste de Guihón,
no torrente, ata a porta do Peixe, rodeando o
Ofel. Fíxoa moi alta. Puxo oficiais en todas
as fortalezas de Xudá. [15]Suprimiu do templo
os deuses estranxeiros e o ídolo, e guindou
fóra da cidade todos os altares que construíra
no monte do templo e en Xerusalén. [16]Res-
taurou o altar do Señor e inmolou sobre el
sacrificios de comuñón e de acción de gra-
zas. E ordenou que os xudeus desen culto ao
Señor, Deus de Israel. [17]Pero o pobo seguiu
sacrificando nas ermidas dos outeiros, aínda
que só ao Señor, seu Deus. [18]Para máis datos
sobre Menaxés, a oración que fixo e os orá-
culos dos videntes que lle falaban no nome
do Señor, Deus de Israel, véxase a historia
dos Reis de Israel. [19]A súa oración e a aco-
llida divina, o seu pecado e a súa rebeldía,
os lugares onde levantou ermidas e erixiu
estelas e ídolos antes da súa conversión, es-
tán rexistrados na historia dos seus videntes.
[20]Cando morreu Menaxés, enterrárono na súa
casa. O seu fillo Amón sucedeuno no trono.

### Amón de Xudá

[21]Amón tiña vinte e dous anos cando su-
biu ao trono e reinou en Xerusalén dous
anos. [22]Fixo o que o Señor reproba, coma seu
pai, Menaxés. Amón sacrificou e deu culto
a todos os ídolos que fixo seu pai, Menaxés.
[23]Pero non se humillou ante o Señor como
fixera seu pai; ao contrario, multiplicou as
súas culpas. [24]Os seus cortesáns conspiraron
contra el e asasinárono no palacio. [25]Pero a
poboación matou os conspiradores contra o
rei Amón e nomearon rei sucesor a Ioxías,
fillo de Amón.

### Ioxías de Xudá

**34** [1]Cando Ioxías subiu ao trono tiña oito
anos e reinou en Xerusalén trinta e un.
[2]Fixo o que o Señor aproba. Imitou a condu-
ta do seu antepasado David, sen se desviar a
dereita nin esquerda. [3]No ano oitavo do seu
reinado, cando aínda era un rapaz, comezou

**33** O c. está dedicado a Menaxés (vv. 1-20) e Amón (vv. 21-25), reis de Xudá. Para o primeiro inspírase en 2 Re **21**, 1-8; para o segundo, en 2 Re **21**, 19-26. Tamén aquí o contraste entre a presentación que o Cronista fai de Menaxés é moi significativa (cf 2 Re **21**, 6-11; Xer **7**, 31). O c. pode tomarse como exemplo clásico da doutrina do Cronista sobre a retribución.

**33**, 12 *Aplacar*: cf **32**, 11; 1 Re **13**, 6; Xer **26**, 19.

**33**, 23 A humildade é unha virtude moi estimada polo Cronista: cf **7**, 14; **12**, 6-12; **30**, 11; **32**, 26; **33**, 12-19; **34**, 27.

**34-35** Estes cc. están dedicados a Ioxías, e inspíranse en 2 Re **22**, 1-23, 30. *Ioxías* é presentado como un monarca piadoso e reformador, aínda que non da talla de Ioxafat ou Ezequías. Segundo as fontes, a reforma cultual é posterior ao encontro do libro da lei. Segundo o Cronista, a reforma é anterior.

a servir o Deus do seu antepasado David, e
o ano doce empezou a purificar a Xudá e a
Xerusalén de ermidas, estelas, estatuas e
ídolos. 4Destruíron na súa presenza os alta-
res dos baais e derrubou os cipos que había
sobre eles; as estelas, as estatuas e os ídolos
trituraunos ata reducilos a po, e espallounos
sobre as tumbas dos que lles ofreceran sacri-
ficios. 5Queimou sobre os seus altares os ósos
dos sacerdotes. Así purificou a Xudá e Xe-
rusalén. 6Nas cidades de Menaxés, Efraím,
Simeón e ata a de Naftalí, en todos os seus
lugares, destruíu os altares, 7triturou ata facer
po as estelas e as estatuas e derrubou os cipos
en todo o territorio de Israel. Logo volveu a
Xerusalén.

8O ano dezaoito do seu reinado, cando ter-
minou de purificar o país e o templo, mandou
a Xafán, fillo de Asalías, ao alcalde Maseías e
ao chanceler Ioah, fillo de Ioahaz, a reparar o
templo do Señor, o seu Deus. 9Presentáronse
ao sumo sacerdote Hilquías, para recoller o
diñeiro ingresado no templo polas colleitas
dos porteiros levitas en Menaxés, Efraím,
o resto de Israel e en Xudá, Benxamín e na
poboación de Xerusalén. 10Entregáronllelo
aos encargados das obras do templo, e aos
mestres de obras que traballaban no templo
para reparar e restaurar o edificio, 11e aos car-
pinteiros e albaneis para comprar perpiaño
para os muros e madeira para as vigas dos
edificios que os reis de Xudá deixaran arrui-
nar. 12Aqueles homes realizaron o traballo
con toda honradez. Estaban designados para
dirixir as obras os levitas Iáhat e Abdías, des-
cendentes de Merarí; e Zacarías e Mexulam,
descendentes de Quehat. Os levitas, como
sabían tocar diversos instrumentos, 13acom-
pañaban aos carrexadores e dirixían a todos
os obreiros, calquera que fose a súa tarefa.
Outros levitas eran secretarios, inspectores e
porteiros. 14Cando estaban sacando o diñeiro
ingresado no templo, o sacerdote Hilquías
encontrou o Libro da Lei do Señor escrito por
Moisés. 15Entón Hilquías díxolle ao cronista
Xafán: –Encontrei no templo o Libro da Lei.

16E entregoullo a Xafán. Este levoullo ao
rei cando foi dar conta da súa tarefa: –Os
teus servos xa fixeron todo o que lles encar-
gaches. 17Recolleron o diñeiro que había no
templo e entregáronllelo aos encargados e
aos obreiros. 18E comunicoulle a noticia: –O
sacerdote Hilquías deume un libro.

Xafán leuno ante o rei, 19e cando este oíu
o contido da Lei, rachou os vestidos 20e or-
denoulles a Hilquías, a Ahicam, fillo de Xa-
fán, a Abdón, fillo de Miqueas, ao cronista
Xafán e ao funcionario real Asaías: 21–Ide
consultar o Señor por min, polo resto de Is-
rael, e por Xudá, por causa do libro encon-
trado. O Señor estará enfurecido connosco
porque os nosos pais non obedeceron a pa-
labra do Señor cumprindo o prescrito neste
libro.

22Hilquías e os designados polo rei foron
ver a profetisa Hulda, esposa do gardarrou-
pas Xalum, fillo de Tocat, de Haserah, que
vivía en Xerusalén, no barrio novo. Expuxé-
ronlle o caso 23e ela respondeulles: –Así di
o Señor, Deus de Israel: Dicídelle a quen
vos enviou: 24"Así di o Señor: Eu vou traer
a desgraza sobre este lugar e os seus habi-
tantes, todas as maldicións escritas no libro
que leron ante o rei de Xudá. 25Porque me
abandonaron e queimaron incenso a outros
deuses, alporizándome cos seus ídolos, está
ardendo a miña cólera contra este lugar e non
se apagará". 26E ao rei de Xudá, que vos en-
viou a consultar o Señor, dicídelle: "Así di o
Señor, Deus de Israel: 27Por escoitares estas
palabras con dor de corazón, humillándote
ante Deus ao oíres as súas ameazas contra
este lugar e os seus habitantes, porque te hu-
millaches ante min, rachaches os vestidos e
choraches na miña presenza, tamén eu te es-
coito –oráculo do Señor. 28Cando eu te reúna
con teus pais, enterrarante en paz, sen que os
teus ollos cheguen a ver a desgraza que vou
traer a este lugar e aos seus habitantes".

Eles levaron a resposta ao rei, 29e este deu
ordes para que se presentasen os anciáns de
Xudá e de Xerusalén. 30Logo subiu ao tem-
plo, acompañado de todos os xudeus, os ha-
bitantes de Xerusalén, os sacerdotes, os le-
vitas e todo o pobo, pequenos e grandes. O
rei leulles o Libro da Alianza encontrado no
templo. 31Despois, en pé sobre o seu estrado,
selou ante o Señor a alianza, comprometén-
dose a seguilo e cumprir os seus preceptos,
normas e mandatos con todo o seu corazón
e con toda a súa alma, pondo en práctica
as cláusulas da alianza escritas neste libro.
32Fixo subscribir a alianza a todos os que se
encontraban en Xerusalén. A poboación de
Xerusalén actuou segundo a alianza do Deus
de seus pais.

**34**,14 *Libro da Lei*. Pode que o Cronista cavilara en todo o Pentateuco.

**34**, 30 A función primordial dos levitas, segundo o autor, é a proclamación da palabra profética.

33Ioxías suprimiu as abominacións de
todos os territorios israelitas e fixo que todos
os residentes en Israel desen culto ao Señor,
o seu Deus. Durante a súa vida non se apar-
taron do Señor Deus de seus pais.

**35** 1Ioxías celebrou en Xerusalén a Pascua
do Señor, inmolándoa o día catorce
do primeiro mes. 2Asignoulles aos sacer-
dotes as súas funcións e confirmounos no
servizo do templo. 3E díxolles aos levitas
consagrados ao Señor, encargados de servir
a Israel: –Deixade a Arca santa no templo
que construíu Salomón, fillo de David, rei de
Israel; non tedes xa que trasladala a ombros.
Dedicádevos agora a servir ao Señor, voso
Deus, e ao seu pobo Israel. 4Organizádevos
en quendas por familias, como dispuxeron
por escrito o rei David e o seu fillo Salomón.
5Ocupade os vosos postos no santuario, di-
vidindo as vosas familias de forma que cada
grupo levítico se encargue dunha familia do
pobo. 6Inmolade a Pascua, purificádevos e
preparádellela a vosos irmáns para que poi-
dan cumprir o que mandou o Señor por me-
dio de Moisés.

7Ioxías proporcionoulle á xente anos e
cabritos trinta mil en total para sacrificios
pascuais de todos os presentes, e tres mil
bois, todo iso da facenda real. 8As autorida-
des axudaron voluntariamente ao pobo, aos
sacerdotes e aos levitas. Hilquías, Zacarías e
Iehiel, intendentes do templo, déronlles aos
sacerdotes dous mil seiscentos animais pas-
cuais e trescentos bois. 9Conanías, Semaías,
seu irmán Natanael, Haxabías, Iehiel e Io-
zabad, xefes dos levitas, proporcionáronlles
aos levitas cinco mil animais pascuais e cin-
cocentos bois.

10Cando estivo preparada a cerimonia, os
sacerdotes ocuparon os seus postos e os levi-
tas distribuíronse por clases, como ordenara
o rei. 11Inmolaron a Pascua. Os sacerdotes
asperxían o sangue, mentres os levitas espe-
licaban as vítimas. 12Separaban a parte que
debía ser queimada e entregábanllela ás di-
versas familias do pobo, para que elas a ofre-
cesen ao Señor, como está escrito no libro de
Moisés. O mesmo fixeron cos bois. 13Asaron
a Pascua, como está mandado, e coceron os
alimentos sagrados en olas, caldeiros e cazo-
las, repartíndoos logo entre todos os fillos do
pobo. 14Despois preparárona para eles mes-
mos e para os sacerdotes; como os sacerdotes
aharonitas estiveron ocupados ata a noite en
ofrecer os holocaustos e as graxas, os levitas
preparárona para si mesmos e para eles.

15Os cantores, descendentes de Asaf, esta-
ban nos seus postos, como mandaran David,
Asaf, Hemán e Iedutún, vidente do rei. Os
porteiros ocuparon cadanseu posto, sen nece-
sidade de abandonar o traballo, porque seus
irmáns levitas llelo prepararon todo. 16Toda a
cerimonia se realizou naquel mesmo día: ce-
lebrouse a Pascua e inmoláronse holocaustos
no altar do Señor, como mandara o rei Io-
xías. 17Os israelitas que se encontraban pre-
sentes celebraron entón a Pascua e despois
a festa dos Ácimos durante sete días. 18Des-
de os tempos do profeta Samuel, ningún rei
de Israel celebrara unha Pascua coma a que
organizaron Ioxías, os sacerdotes, os levitas,
todos os xudeus e israelitas que se encontra-
ban alí e os habitantes de Xerusalén. 19Cele-
brouse o ano dezaoito do reinado de Ioxías.

20Bastante despois de que Ioxías restaurase
o templo, o rei de Exipto, Nekó, dirixiuse a
Kárkemix, xunto ao Éufrates, para presentar
batalla. Ioxías saíu a facerlle fronte. 21Entón
Nekó mandoulle esta mensaxe: "Non te me-
tas nos meus asuntos, rei de Xudá. Non veño
contra ti, senón contra a dinastía que me fai
a guerra. Deus díxome que me dea présa.
Deixa de oporte a Deus, que está comigo,
non sexa que el te destrúa". 22Pero Ioxías, en
vez de deixarlle paso franco, empeñouse en
combater, desatendendo o que Deus lle dicía
por medio de Nekó, e presentou batalla na
chaira de Meguido. 23Os arqueiros dispararon
contra o rei Ioxías, e este díxolles aos seus
servidores: –Sacádeme do combate, porque
estou gravemente ferido.

24Os seus servidores sacárono do carro,
trasladárono a outro e levárono a Xerusalén
onde morreu. Enterrárono na tumba dos seus
antepasados. Todo Xudá e Xerusalén gar-
dou loito por Ioxías. 25Xeremías compuxo
unha elexía no seu honor, e todos os cantores
e cantoras séguenos recordando nas súas
elexías. Fixéronse tradicionais en Israel; po-
den verse nas Lamentacións. 26Para máis da-
tos sobre Ioxías, as obras de piedade que fixo
de acordo coa Lei do Señor 27e todos os seus
feitos, dos primeiros aos derradeiros, véxase
o libro dos Reis de Israel e Xudá.

**35** Este c. é moi importante para ver como se celebraba a Pascua en tempos do Cronista. O autor subliña o papel dos levitas, agrandando as súas funcións en relación coas que lles atribúen outras fontes.

**35**, 11 Namentres en Éx **12**, 3-6 era o cabeza de familia quen inmolaba a Pascua, aquí son os levitas.

**35**, 21-22 Estes vv. intentan explicar o porqué da morte do pío rei. O Cronista atribúe un pecado a Ioxías, alí onde as fontes ven simplemente un despiste político.

### Ioacaz de Xudá

**36** [1]A xente tomou a Ioacaz fillo de Ioxías,
e nomeouno rei sucesor en Xerusalén.
[2]Cando Ioacaz subiu ao trono, tiña vinte e
tres anos, e reinou tres meses en Xerusalén.
[3]O rei de Exipto destronouno, impuxo no país
un tributo de cen pesos de prata e un peso de
ouro, [4]e nomeou rei de Xudá e Xerusalén a
Eliaquim, irmán de Ioacaz, cambiándolle o
nome polo de Ioaquim. A seu irmán Ioacaz
levouno Nekó a Exipto.

### Ioaquim de Xudá

[5]Cando Ioaquim subiu ao trono tiña vinte e
cinco anos e reinou en Xerusalén once anos.
Fixo o que o Señor, o seu Deus, reproba. [6]Na-
bucodonosor de Babilonia subiu contra el e
conduciuno a Babilonia atado con cadeas de
bronce. [7]Tamén levou consigo algúns obxec-
tos do templo e colocounos no seu palacio de
Babilonia. [8]Para máis datos sobre Ioaquim,
as iniquidades que cometeu e todo o que lle
sucedeu, véxase o libro dos Reis de Israel e
Xudá. O seu fillo Ioaquín sucedeuno no trono.

### Ioaquín de Xudá

[9]Cando Ioaquín subiu ao trono tiña oito
anos e reinou en Xerusalén tres meses e dez
días. Fixo o que o Señor reproba. [10]A prin-
cipios do ano, o rei Nabucodonosor man-
dou por el e levárono a Babilonia, xunto cos
obxectos de valor do templo. Nomeou rei de
Xudá e Xerusalén a seu irmán Sedecías.

### Sedecías de Xudá

[11]Cando Sedecías subiu ao trono tiña vinte
e un anos e reinou en Xerusalén once anos.
[12]Fixo o que o Señor, seu Deus, reproba; non
se humillou ante o profeta Xeremías, que
lle falaba no nome de Deus. [13]Ademais, re-
belouse contra o rei Nabucodonosor, que lle
tomara xuramento solemne de fidelidade.
Púxose testán e negouse por completo a con-
verterse ao Señor Deus de Israel. [14]Tamén as
autoridades de Xudá, os sacerdotes e o pobo
obraron inicuamente, imitando as abomina-
cións dos pagáns e profanando o templo que
o Señor consagrara en Xerusalén. [15]O Señor,
Deus de seus pais, mandáballes continua-
mente mensaxeiros, porque sentía mágoa do
seu pobo e da súa morada; [16]pero eles burlá-
banse dos mensaxeiros de Deus, ríanse das
súas palabras e mofábanse dos profetas, ata
que a ira do Señor se acendeu sen remedio
contra o seu pobo. [17]Entón enviou contra
eles ao rei dos caldeos, que lles matou os fi-
llos no santuario: a todos entregou nas súas
mans, sen perdoar mozo, rapaza, ancián ou
cano. [18]E levou consigo a Babilonia todos os
obxectos do templo, grandes e pequenos, os
tesouros do templo, os do rei e os dos mag-
nates. [19]Incendiaron o templo, derrubaron a
muralla de Xerusalén, prendéronlles lume
a todos os seus palacios e esnaquizaron to-
dos os obxectos de valor. [20]Levou consigo
desterrados a Babilonia os superviventes da
matanza e foron escravos seus e dos seus
descendentes ata o triunfo do reino persa.
[21]Cumpriuse así o que lle anunciou o Señor
a Xeremías, e a terra gozou do seu descanso
sabático todo o tempo que estivo desolada,
ata cumprirse setenta anos.

[22]O ano primeiro de Ciro, rei de Persia, o
Señor, para cumprir o que anunciara por me-
dio de Xeremías, moveu a Ciro, rei de Persia,
a promulgar de palabra e por escrito en todo
o seu reino: [23]"Ciro, rei de Persia, decreta:
O Señor, Deus do ceo, entregoume todos os
reinos da terra e encargoume construír un
templo en Xerusalén de Xudá. Todos os dese
pobo que viven entre nós poden volver. E que
o Señor, seu Deus, estea con eles".

**36** Aquí o autor resume as súas fontes: parece ter présa por chegar ao edicto de Ciro que pon remate á catástrofe nacional.
**36**, 1-4 O autor depende de 2 Re **23**, 31-35. Estamos no ano 600 a. C.
**36**, 5-8 Resume de 2 Re **23**, 36-**24**, 6. Ioaquim non foi conducido a Babilonia, pero si Ioaquín.
**36**, 11-21 O Cronista segue 2 Re **25**, 12-15. É un resumo da etapa do desterro, que fai repetir ao pobo a experiencia de Exipto.
O descanso sabático da terra ao que se fai alusión no v 21, non foi total, como o demostra o II Isaías.
**36**, 22-23 Reprodución literal de Esd **1**, 1-3b. Estes vv. engadíronse ao libro das Crónicas, ao se afastar este de Esdras e Nehemías.

# INTRODUCIÓN A ESDRAS E NEHEMÍAS

## 1. Relación destes libros entre si e co resto da Biblia

a. *Na tradición textual hebrea e grega antigas estes dous libros constituían un só, concibido en dúas partes. A tradición posterior fixo a separación en dúas obras. Así, a Vulgata dálles os títulos de I e II de Esdras, e engade a Apocalipse de Esdras, baixo o título de III de Esdras.*

*Chégase á consideración destes libros como un só ao detectar a existencia de duplicados en ambas as dúas partes, e mais ao percibir que a memoria de Esdras se estende por toda a obra.*

*Tendo en conta o desenvolvemento cronolóxico dos feitos, deberíase ler nesta orde: Esd **7**, 1-**8**, 36; Neh 7, 72-**8**, 18; Esd **9**, 1-**10**, 44; Neh **9**, 1-37.*

*A figura de Esdras sobresae por enriba da de Nehemías (pois a memoria deste ocupa só a segunda parte), resaltando así a tarefa da reconstrución cúltica e moral do pobo, sobre a de reconstruír a cidade.*

b. *A repetición do final do II Crónicas (2 Cro **36**, 26ss) no comezo do libro de Esdras, así como as semellanzas de estilo, poñen en relación os dous bloques de libros (1-2 Cro e Esd-Neh), ata o punto de ter que considerarlos non só da mesma escola literaria, senón máis aínda, como obras dun mesmo autor, o Cronista.*

## 2. Autor e tempo de composición

*A parte das coincidencias estilísticas, que fan identificar o autor de Esdras-Nehemías co de I e II Crónicas, as ideas teolóxicas expostas no libro, xunto co ambiente histórico que supón, contribúen á identificación do autor.*

*Entre os temas teolóxicos que desenvolve está, en primeiro lugar, o do templo, como centro da vida relixiosa e social do pobo. A piedade comunitaria é de tipo cúltico e sacrificial, poñendo o autor sumo interese na observancia das leis cúlticas. Fai tamén fincapé na elección divina de Xerusalén e da dinastía davídica, que, xunto coa do templo, constitúen as principais tradicións proféticoteolóxicas de Xudá. A súa obra está concibida como a realización histórica desa tripla elección. Outras preocupacións teolóxicas que se albiscan ao longo da obra son a teoloxía do pobo como "raza santa", e a necesidade de observar a lei mosaica, rexeitando en consecuencia todo o que poida arrefriar as relacións do pobo con Deus (como pode ser a celebración de matrimonios mixtos: cf Esd **9**, 1-**10**, 17).*

*Os datos referidos fan pensar que o autor pertencía a Xudá, e que era probablemente un sacerdote interesado pola observancia das leis cúlticas e rituais e preocupado por xustificar os principios teolóxicos do xudaísmo, presentando a figura do reformador Esdras. Escribe ao remate do século IV.*

## 3. Fontes empregadas para a composición de Esdras-Nehemías

a. *A fonte principal da obra é a "Memoria de Esdras" (Esd 7, 1-**10**, 44; Neh **8**-**9**), que contén o informe do escriba, mandado polas autoridades a Xerusalén. Nesta fonte emprégase un documento en arameo (Esd 7, 12-26), que é sen dúbida un documento da chancelería persa: o decreto de Artaxerxes que constitúe a Esdras en reformador e aplicador da lei.*

*O texto da "Memoria de Esdras" interrómpese en **8**, 1-14 cunha relación dos sacerdotes cabezas de familia (e os seus antepasados) que foron con Esdras a Xerusalén. O texto é obra do Cronista, ou dun redactor do templo.*

b. *Outra das fontes é a "Memoria de Nehemías" (Neh **1**-**7**; **12**, 31-40; e **13**, 6-31). Da gran sección (cc. **1**-**7**), hai que descontar a lista de voluntarios da reconstrución (**3**, 1-32), así como as informacións topográficas e políticas da bisbarra de Xerusalén, lista que debeu ser recollida do arquivo do santuario.*

*A dedicación relixiosa da muralla de Xerusalén (Neh **12**, 31-40) vai fóra do seu lugar lóxico, por intentar presentala en paralelo coa dedicación do templo (Esd **6**, 13-18). A forma autobiográfica (Neh **12**, 31-40; **13**, 6-31) é un sinal claro da pertenza á devandita fonte.*

c. *En terceiro lugar, foron recollidas do arquivo do santuario as listas de sacerdotes e levitas residentes en Xerusalén e na súa bisbarra (Neh **11**, 3-**12**, 26). Tamén pertencen á devandita fonte os textos de Esd **2**, 1-70; **8**, 1. 14-30. 33-34; e Neh **3**, 1-32, aínda que*

*estes pasaron a formar parte, máis adiante, da "Memoria de Esdras".*

d. *En cuarto lugar hai unha fonte aramea que recolle a oposición das autoridades de Samaria á reconstrución do santuario (Esd* ***5****, 1-****6****, 18) e das murallas (Esd* ***4****, 6-23), e que contén ademais algúns documentos da chancelería da corte persa.*

e. *Segundo o parecer dalgúns autores, existe unha quinta fonte, hebrea, á que pertence Esd* ***1****, 1-4. 8-11.*

**4. Importancia teolóxica dos libros**

*A parte do interese histórico que ofrecen para o esclarecemento do período persa, no que profetizaron Axeo, Zacarías e Malaquías, os libros de Esdras e Nehemías resaltan a importancia de tres personaxes que reconstrúen outros tantos elementos centrais da vida postexílica:*

a. *Zerubabel, que reconstrúe o Santuario, centro do culto e lugar fundamental da actividade do sumo sacerdote.*

b. *Esdras, o sacerdote e escriba, que impón a lei como elemento básico da relixiosidade xudía, e que purifica o culto.*

c. *Nehemías, o gobernador, que reconstrúe os muros da cidade, repoboándoa ao mesmo tempo (Neh* ***7****, 4ss), e organizándoa de xeito que os xefes da comunidade se establecesen en Xerusalén (Neh* ***11****, 1-3).*

*Polo feito de incluír o texto longas listas de nomes, e polo carácter narrativo do mesmo, pode pensarse que os libros de Esdras-Nehemías non ofrecen proveito espiritual. Mais, cunha ollada un pouco máis fonda, atoparase sen dúbida a confianza incondicional en Iavé, o celo polas cousas do templo, as ansias de xustiza e equidade, a reforma relixiosa como servizo ao pobo, o fervor do traballo no medio das dificultades...: todo iso, sen caer nunca nun legalismo estreito. Trátase da Lei do Deus vivo, a quen se acode no culto auténtico e na oración sincera (cf Esd* ***3****, 11;* ***6,*** *21-22;* ***7****, 27-28; Neh* ***1****, 4-14;* ***4****, 4-5;* ***5****, 19).*

# ESDRAS

### O edicto de Ciro

**1** [1]O primeiro ano de Ciro, rei de Persia para
que se cumprise a palabra do Señor saída da boca de Xeremías, o Señor espertou o espírito de Ciro, rei de Persia, a fin de que en todo o seu reino se promulgase de palabra ou por escrito o que segue:

[2]"Ciro, rei de Persia decreta: Todos os reinos da terra me foron entregados polo Señor, Deus dos ceos, e encargoume por si mesmo de levantarlle un templo en Xerusalén de Xudá. [3]Os que de entre vosoutros pertenzan a ese pobo, que o seu Deus sexa con eles e que os conduza a Xerusalén, en Xudá, para construír a casa do Señor, o Deus de Israel –trátase do Deus que está en Xerusalén–. [4]En todos os lugares onde reside o resto do pobo, que as xentes deses lugares aporten cada un prata, ouro, bens, animais e ofrendas voluntarias para a casa de Deus que está en Xerusalén".

[5]Entón levantáronse os xefes de familia de Xudá e de Benxamín, os sacerdotes e os levitas, nunha palabra todos cantos Deus movera para ir levantar a casa do seu Señor que está en Xerusalén. [6]E todos os seus veciños déronlles con xenerosidade obxectos de prata e de ouro, bens e animais, preciosos regalos, sen contar o que ofreceron voluntariamente. [7]O rei Ciro fixo retirar os obxectos da casa do Señor que Nabucodonosor levara de Xerusalén para metelos na casa dos seus deuses. [8]Ciro, rei de Persia, fíxoos retirar por medio do tesoureiro Mitrídates, que o contou todo diante de Xexbasar, príncipe de Xudá.

[9]Velaquí as contas: trinta copas de ouro, mil copas de prata, vinte e nove coitelos, [10]trinta copas de prata; copas de prata de segunda orde: catrocentas dez; outros obxectos: mil. [11]Total de obxectos de ouro e de prata: cinco mil catrocentos. Xexbasar levouno todo consigo cando os deportados subiron de Babilonia a Xerusalén.

### Listas dos deportados

**2** [1]Estes son os fillos da provincia que subiron da catividade, da deportación –os que Nabucodonosor, rei de Babilonia, deportara a Babilonia– e que retornaron a Xerusalén e a Xudá, a cadansúa vila. [2]Son os que viñeron canda Zerubabel, Xosué, Nehemías, Seraías, Reelaías, Mardoqueo, Bilhán, Mispar, Biguai, Rehum, Banah.

Número dos homes do pobo de Israel: [3]os fillos de Parox, dous mil cento setenta e dous; [4]os fillos de Xefatías, trescentos setenta e dous; [5]os fillos de Arah, setecentos setenta e cinco; [6]os fillos de Pahat-Moab, isto é, os fillos de Iexúa e Ioab, dous mil oitocentos doce; [7]os fillos de Elam, mil douscentos cincuenta e catro; [8]os fillos de Zatú, novecentos corenta e cinco; [9]os fillos de Zaqueo, setecentos sesenta; [10]os fillos de Baní, seiscentos corenta e dous; [11]os fillos de Bebai, seiscentos vinte e tres; [12]os fillos de Azgad, mil douscentos vinte e dous; [13]os fillos de Adonicam, seiscentos sesenta e seis; [14]os fillos de Bigvai, dous mil cincuenta e seis; [15]os fillos de Adín, catrocentos cincuenta e catro; [16]os fillos de Ater, é dicir, de Ezequías, noventa e oito; [17]os fillos de Besai, trescentos vinte e tres; [18]os fillos de Iorah, cento doce; [19]os fillos de Haxum, douscentos vinte e tres; [20]os fillos de Guibar, noventa e cinco; [21]os fillos de Belén, cento vinte e tres; [22]os homes de Netofah, cincuenta e seis; [23]os homes de Anatot, cento vinte e oito; [24]os fillos de Azmávet, corenta e dous; [25]os fillos de Quiriat-Arim, Kefirah e Beerot, setecentos corenta e tres; [26]os fillos de Ramah e Gueba, seiscentos vinte e un; [27]os homes de Mikmás, cento vinte e dous; [28]os homes de Betel e Ai, douscentos vinte e tres; [29]os fillos de Nebó, cincuenta e dous; [30]os fillos de Magbi, cento cincuenta e seis; [31]os fillos do outro Elam, mil douscentos cincuenta e catro; [32]os fillos de Harim, trescentos vinte;

**1**, 1-3a O que aquí se di é idéntico ao recollido en 2 Cro **36**, 22s. Todos os indicios fan pensar na identidade de autor entre os libros de Esd-Neh e 1-2 Cro (cf Introd. 1b). Ciro reinou desde o ano 558 ata o 529. O ano 538 corresponde ao primeiro do seu reinado sobre Babilonia, cando empezou a ser "o rei de Babel". O profeta Xeremías falara do final da catividade, despois de 70 anos, e da reconstrución do templo (cf Xer **25**, 11s; **31**, 38). Ciro respectaba a todos os deuses do ceo, incluído o dos xudeus. A súa misión vén anunciada en Is **44**, 28; **45**, 1-2.
**1**, 4 Ese *resto* refírese aos israelitas que se mantiveron fieis aos mandados do seu Deus e que escaparon á deportación. Tratábase de xente sinxela, de entre os labregos, sobre todo. Acababa de chegar a súa hora, pois Ciro era relixioso, e prefería ser un auténtico liberador, e non un opresor. Cantos quixeran honrar os seus deuses, podíano facer tranquilamente.
**1**, 6 A volta da catividade nárrase en certo senso de forma moi parecida ao que ocorreu no tempo do Éxodo ou saída de Exipto: tamén entón recibiran obxectos de ouro e prata dos veciños (cf Éx **3**, 22...).
**2**, 1ss Ponse aquí unha gran lista dos que, en caravana, camiñan cara a Xerusalén, a cidade santa, tan querida e lembrada polos deportados.
**2**, 23ss *Anatot* é a patria de Xeremías; *Ramah* é a residencia de Samuel; e *Gueba*, unha das vilas dos levitas.

[33]os fillos de Lod, Hadid e Onó, setecentos vinte e cinco; [34]os fillos de Iericó, trescentos corenta e cinco; [35]os fillos de Senaah, tres mil seiscentos trinta.

[36]Os sacerdotes: os fillos de Iedaías, isto é, a casa de Xosué, novecentos setenta e tres; [37]os fillos de Immer, mil cincuenta e dous; [38]os fillos de Paxhur, mil douscentos corenta e sete; [39]os fillos de Harim, mil dezasete.

[40]Os levitas: os fillos de Iexúa e de Cadmiel, isto é os fillos de Hodavías, setenta e catro.

[41]Os cantores: os fillos de Asaf, cento vinte e oito.

[42]Os porteiros: os fillos de Xalum, os fillos de Áter, os fillos de Talmón, os fillos de Acub, os fillos de Hatitá, os fillos de Xobai, todos eles, cento trinta e nove.

[43]Os servos: os fillos de Sibá, os fillos de Hasufá, os fillos de Tabaoth, [44]os fillos de Querós, os fillos de Siahá, os fillos de Padón, [45]os fillos de Levanah, os fillos de Hagabah, os fillos de Acub, [46]os fillos de Hagab, os fillos de Xalmai, os fillos de Hanán, [47]os fillos de Guidel, os fillos de Gahar, os fillos de Reaías, [48]os fillos de Resín, os fillos de Necodá, os fillos de Gazam, [49]os fillos de Izá, os fillos de Paséah, os fillos de Besai, [50]os fillos de Asnah, os fillos de Neunim, os fillos de Nefusim, [51]os fillos de Bacbuc, os fillos de Hacufá, os fillos de Harhur, [52]os fillos de Baslut, os fillos de Mehidá, os fillos de Harxá, [53]os fillos de Barcós, os fillos de Siserá, os fillos de Tamah, [54]os fillos de Nesías, os fillos de Hatifá.

[55]Os fillos dos servidores de Salomón: os fillos de Sotai, os fillos do Soféret, os fillos de Perudá, [56]os fillos de Ialah, os fillos de Darcón, os fillos de Guidel, [57]os fillos de Xefatías, os fillos de Hattil, os fillos de Poquéret-Sebaim, os fillos de Amí. [58]Todos os servos e fillos dos servos de Salomón: trescentos noventa e dous.

[59]E velaquí os que subiron de Tel-Mélah, Tel-Harxá, Kerub Adán Immer e que non foron capaces de coñecer se a súa casa paterna e a súa raza viñan ou non da liñaxe de Israel: [60]os fillos de Dalaías, os fillos de Tobías, os fillos de Necodá: seiscentos cincuenta e dous; [61]e algúns de entre os sacerdotes: os fillos de Hobaías, os fillos de Hacós, os fillos de Barzilai o que casara cunha das fillas de Barzilai, o galaadita, e que levaba o seu nome.

[62]Todos estes buscaron o seu rexistro de xenealoxías, pero non o atoparon; foron, pois, declarados lixados e excluídos do sacerdocio. [63]E o gobernador díxolles que non comesen dos alimentos moi santos, ata que un sacerdote se presentase por medio do *urim* e os *tummin*.

[64]Todo o conxunto da asemblea era de corenta e dúas mil trescentas sesenta persoas, [65]sen contar os seus servos e servas que eran sete mil trescentos trinta e sete; tiñan douscentos cantores e cantoras; [66]os seus cabalos: setecentos trinta e seis; os burros: douscentos corenta e cinco; [67]os camelos: catrocentos trinta e cinco; os asnos: seis mil setecentos vinte.

[68]Chegados á casa do Señor que está en Xerusalén algúns xefes de familia fixeron ofrendas voluntarias para o templo do Señor, a fin de restauralo de novo no seu mesmo lugar. [69]Segundo as súas posibilidades, engadiron ao tesouro da obra sesenta e un mil dracmas de ouro de cinco mil minas de prata e cen túnicas para os sacerdotes. [70]Entón estes e os levitas, unha parte do pobo, os cantores, os porteiros e os servidores establecéronse nos seus pobos. Todos os israelitas estaban nas súas vilas.

### Restablecemento do culto

**3** [1]Chegado o sétimo mes, cando xa os israelitas se instalaran nas súas poboacións, xuntáronse todos coma un só home en Xerusalén. [2]Entón Xosué, fillo de Iosadac, púxose en pé cos seus irmáns os sacerdotes; como tamén Zerubabel fillo de Xealtiel, cos seus irmáns, e empezaron a construír o altar do Deus de Israel para ofreceren nel holocaustos, como manda a lei de Moisés, home de Deus. [3]Volveron colocar o altar sobre os

**2**, 36ss *Os sacerdotes* eran moi numerosos, e formaban catro familias, dúas delas da descendencia de Sadoc. Viñan con ánimo de restablecer o culto en Xerusalén. *Os levitas* eran daquela menos, e pouco entusiastas. Dos cantores só volveu un grupo. As outras familias, citadas en 1 Cro **16**, 37-41, deberon quedar por aló.

**2**, 43 Os doados ou *servos*, ao parecer, eran os homes que David dera como axuda aos levitas, especie de escravos, fillos de estranxeiros, moi numerosos en Xerusalén.

**2**, 55 *Os servidores de Salomón* son distintos dos "servos". Eran homes de segunda orde, quizais fillos dos cananeos (cf 1 Re **9**, 20s).

**2**, 63 *Gobernador* corresponde a un nome persa, que significa "temido".

*Urim e tummim*: un xeito antigo de coñecer a vontade divina, por medio das sortes (cf Éx **28**, 30).

**2**, 64 O retorno fíxose por caravanas sucesivas, e, ao chegaren, a primeira cousa era ofrecer sacrificios ao Señor, coa ledicia do retorno.

**3**, 1 *Sétimo mes*, "Tixrí", setembro-outubro, é o mes das grandes celebracións en Xerusalén.

**3**, 3s Pola tradición e polos xudeus que seguiron en Xerusalén, coñecíase o lugar exacto onde estaba o altar. A preocupación principal era o culto e as prescricións exactas do ritual.

seus fundamentos –non sen medo aos colonos estranxeiros–, e ofreceron nel ao Señor os holocaustos matutinos e vespertinos.

4Despois celebraron a festa das Cabanas, como está escrito, presentando o holocausto todos os días segundo o número diario fixado polo costume. 5Despois disto presentaron o holocausto perpetuo, os holocaustos dos novilunios e de todos os tempos sagrados do Señor, o mesmo que para cantos facían ofrendas voluntarias ao Señor. 6Desde o primeiro día do sétimo mes, comezaron a ofrecer holocaustos ao Señor. Mais aínda non se puxeran os fundamentos do templo.

7Entón, de acordo co autorizado polo rei de Persia, Ciro, fixeron a contrata dos canteiros e carpinteiros e déronlles prata, comida e bebida, e aceite, e tamén aos sidonios e tirios para que trouxesen madeira de cedro polo mar, desde o Líbano ata Iafa. 8Aos dous anos de chegaren ao templo de Xerusalén, no mes segundo, Zerubabel, fillo de Xealtiel, e Xosué, fillo de Iosadac, co resto dos seus irmáns, os sacerdotes, os levitas e todos cantos viñeran da catividade a Xerusalén, comezaron a distribuír aos levitas de vinte anos para arriba, poñéndoos á fronte da obra do templo. 9Xosué, cos seus fillos e irmáns; Cadmiel e mais os seus fillos; os fillos de Xudá, todos xuntos fóronse colocando de xeito que puidesen dirixir a cada obreiro que traballaba na casa de Deus, sen falar de Henadad, cos seus fillos e mais os seus irmáns os levitas. 10Entón os albaneis puxeron os fundamentos do templo do Señor, mentres que os sacerdotes se colocaban cos seus ornamentos e as trompetas, e tamén os levitas fillos de Asaf cos címbalos, para loar o Señor segundo ordenou David, rei de Israel. 11Na gabanza e acción de grazas ao Señor, respondían: "Porque é bo, e a súa fidelidade con Israel é eterna".

Todo o pobo con grandes ovacións loaba polo mesmo ao Señor, porque se restauraba de novo o templo do Señor. 12Entón moitos sacerdotes, levitas e xefes de familia entre os máis anciáns, os que tiñan visto o templo antano, choraban a gritos, mentres se poñían á súa vista os alicerces deste templo. Pero outros moitos elevaban a voz reloucando de ledicia. 13De maneira que o pobo non podía distinguir o ruído polas ovacións xubilosas do ruído polos choros populares, pois o pobo prorrompía en grandes ovacións, e as voces oíanse desde moi lonxe.

### Oposición dos inimigos de Xudá

**4** 1Cando os inimigos de Xudá e de Benxamín souberon que os deportados edificaban un templo ao Señor, o Deus de Israel, 2chegáronse a Zerubabel e aos cabezas de familia e dixéronlles: –Nós tamén queremos traballar convosco. Pois, o mesmo ca vós, buscamos a Deus, o voso, e ofrecémoslle sacrificios, desde o tempo de Asarhadón, rei de Asur, que nos fixo subir aquí.

3Pero Zerubabel, Xosué e o resto dos xefes de familia de Israel dixéronlles: –Non edificaremos xuntos, nós e vós, unha casa ao noso Deus. Somos nosoutros sos os que construímos para o Señor, o Deus de Israel, como nolo ordenou o rei Ciro, o rei de Persia.

4Entón os colonos estranxeiros empezaron a desmoralizar aos xudeus e a intimidalos para que deixasen de construír. 5Co fin de levar adiante os seus plans, pagaron conselleiros que os fixesen fracasar no intento, durante todo o tempo de Ciro, rei de Persia, ata o reinado de Darío, rei de Persia.

### Intercambio de correspondencia baixo Xerxes e Artaxerxes

6Baixo o reinado de Xerxes, ao comezo do seu reinado, escribiron unha acusación contra os habitantes de Xudá e de Xerusalén. 7No tempo de Artaxerxes, Bixlam, Mitredat, Tabeel e os outros colegas seus escribiron a Artaxerxes, rei de Persia; o texto da carta estaba escrito en caracteres arameos e na lingua aramea. 8O gobernador Rehum e o secretario Ximxai escribiron ao rei Artaxerxes a se-

**3**, 8 *O mes segundo*, ou sexa, en abril-maio do ano 537. O confiarlles cargos importantes aos israelitas que aínda non teñen vinte e cinco anos, é, sen dúbida, polo número escaso ou porque eran máis ben mozos entusiastas a maioría dos que deixaron a vida cómoda dunha instalación, para viren e comezaren unha nova aventura, coa axuda clara do seu Deus.

**3**, 10 A trompeta era o instrumento dos sacerdotes (a súa campá), mentres que os levitas tiñan a cítola, a arpa e os címbalos.

**3**, 12 *Choraban* ao veren a diferenza entre o templo de Salomón e o que agora se levantaba, moito máis humilde. Só as reformas posteriores o foron agrandando, chegando a acadar, nos tempos de Xesús, as dimensións máis grandes, despois de que Herodes fixera un novo.

**4**, 2 A expresión "buscar a Deus" significa máis que nada ir á súa casa ou templo, para cantar os seus loores e pedirlle grazas. Os que isto piden eran descendentes dos que tiveran que sufrir as tribulacións do desterro.

**4**, 5 Non só os inimigos de Xudá, senón tamén a miseria e os poucos azos para traballar no seu país, como se le no profeta Axeo (**1**, 2-9).

**4**, 6 Os vv. 6-23 son unha inserción que se refire á obstrución das xentes de Samaria, nunha época posterior a Darío. Era baixo Xerxes (486-465) e Artaxerxes (465-424). Daquela estaban reconstruíndo as murallas, non o templo.

guinte carta relativa ao que estaba ocorrendo en Xerusalén. [9]O gobernador Rehúm, o secretario Ximxai, os seus colegas restantes, as xentes de Din, de Afarsatcai, de Tarpelai, de Afaresai, de Arcav de Babilonia, de Xuxán, de Dehav, de Elam [10]e os demais pobos que o grande e ilustre Asenapar deportou e fixo residir na cidade de Samaria e no resto do país, en Transeufratina. [11]Velaquí a copia da carta que eles lle mandaron:

"Ao rei Artaxerxes, os teus servidores, xentes de Transeufratina. [12]Debemos facer saber ao rei que os xudeus subidos desa túa rexión para viren onda nós a Xerusalén reconstrúen a cidade rebelde e malvada; van levantar os muros e xa poñen os alicerces. [13]E o rei debe saber que, se reconstrúen esta cidade e levantan as súas murallas, xa non pagarán máis tributos, tanto de impostos coma de peaxe, sendo ao cabo, o rei o prexudicado. [14]Como a nosa soldada vén da coroa, non podemos tolerar tal inxuria á súa maxestade e comunicámoslle o que pasa. [15]Que repasen os anais dos teus predecesores. No libro das memorias atoparás e verás como esta cidade é moi rebelde, a causante de mil reveses aos reis e ás provincias, e na que se fomentan revoltas desde os tempos antigos. Por isto precisamente foi demolida. [16]Facemos saber ao rei que se esta cidade é reconstruída e se os seus muros son de novo levantados, podes dar por perdidos os territorios da outra banda do río".

[17]O rei envioulles esta resposta:

"Ao gobernador Rehúm, ao secretario Ximxai e aos seus demais colegas que habitan en Samaria e no resto dos territorios da outra banda do río, paz. [18]A acta oficial que me mandastes foi lida de maneira clara na miña presenza. [19]Dei a orde de que estudasen o caso e, en efecto, esa cidade rebelouse desde antigo contra os reis, e nela se deron revoltas e sedicións. [20]Houbo en Xerusalén reis poderosos que someteron todo o territorio da outra banda do río. Había que lles pagar tributos do imposto e peaxe. [21]Agora, pois, dádelles a orde de que deixen o traballo. Que esa cidade non se siga construíndo mentres non o ordene eu. [22]Pobres de vós se neste asunto obrades con neglixencia, dado o perigo de que creza o mal en prexuízo do rei".

[23]Lida esta copia da acta oficial do rei Artaxerxes na presenza de Rehúm, do secretario Ximxai e dos seus colegas, déronse présa en iren a Xerusalén onda os xudeus para facerlles deter a obra pola forza e a violencia. [24]Entón, en Xerusalén, o traballo da casa de Deus cesou, e as obras estiveron detidas ata o segundo ano do reinado de Darío, rei de Persia.

### Construción da casa de Deus

**5** [1]Entón, o profeta Axeo e o profeta Zacarías, fillo de Idó, comezaron a profetizar aos xudeus de Xudá e Xerusalén no nome do Deus de Israel, que co seu espírito os invadía. [2]Zerubabel fillo de Xealtiel e Xosué fillo de Iosadac puxéronse en pé e empezaron a construír o templo de Xerusalén; con eles estaban os profetas de Deus que os alentaban. [3]Mais Taznai, sátrapa da outra banda do río, Xetar-Boznai e os seus colegas, viñeron onda eles e dixéronlles: –Quen vos deu a orde de levantar este templo e armar ese madeirame? [4]Como se chaman os homes responsables desta construción?

[5]Pero Deus ollaba sobre os anciáns de Xudá: non se lles impediu o traballo ata que o asunto chegase a Darío e mandase a acta oficial o antes posible. [6]Copia da carta enviada ao rei Darío polo gobernador da outra banda do río, Taznai, Xetar-Boznai e os seus colegas, as xentes de Arfaxac na outra banda do río. [7]Enviáronlle unha mensaxe na que estaba escrito:

"Ao rei Darío, enteira paz. [8]Que o rei saiba que fomos á provincia de Xudá, ao templo do gran Deus, que están construíndo con pedras talladas e colocando madeira nos muros. Este traballo faise con moito esmero e prospera entre as súas mans. [9]Entón preguntamos aos anciáns e dixémoslles: "Quen vos deu a orde de construír este templo e armar ese madeirame?". [10]Preguntámoslles ademais polos nomes dos responsables para darchos a coñecer. [11]Velaquí a resposta que nos chegou: "Nós somos os servidores do Deus dos ceos e da terra, e reconstruímos o templo que xa

**4**, 10 *Asenapar*. Trátase probablemente de Asurbanipal (668-626). *Transeufratina* é o nome que se dá á provincia do O do Éufrates, ou sexa, Siria e Palestina.
**4**, 19 Posible alusión ás revoltas no tempo de Ezequías, Ioaquim e Sedecías (cf 2 Re **18**, 7; **24**, 1. 20).
**4**, 20 Este v. xa se refire ao templo non á muralla, e enlaza co v. 5.
**5**, 2 *Xealtiel* é o fillo maior do rei Ioaquín (cf 1 Cro **3**, 17). Leva, polo tanto, en si a esperanza da realeza de Israel (cf Ax **2**, 23). Fixo falta toda a enerxía dos profetas Axeo e Zacarías para que o pobo se animase a levantar de novo o templo de Deus.
**5**, 15 Aínda non se construíra o templo, pero nunca deixaran totalmente de ofrecer sacrificios e de facer os rezos, mesmo nas ruínas do templo.

se construíra hai longos anos, o que un gran rei en Israel levantara e completara. 12Mais porque os nosos pais irritaron ao Señor dos ceos, entregounos nas mans do caldeo Nabucodonosor, rei de Babilonia, que destruíu este templo e deportou o pobo a Babilonia. 13Con todo, no seu primeiro ano, Ciro, rei de Babilonia, deu a orde de volver levantar esta casa de Deus. 14Ademais, os obxectos da casa de Deus, de ouro e prata, que Nabucodonosor fixera levar do templo de Xerusalén ao templo de Babilonia, o rei Ciro mandounos quitar de alí e confiarllos a Xexbasar, ao que el puxera de gobernador. 15Díxolle: "Colle eses obxectos e lévaos ao templo de Xerusalén, e que a casa de Deus sexa reconstruída sobre os seus mesmos cimentos". 16Entón ese Xexbasar veu poñer os cimentos do templo de Deus en Xerusalén. Desde ese momento ata agora, séguese construíndo, mais aínda non está rematada. 17Polo tanto, se lle prace ao rei, que se inquira nos arquivos reais de Babilonia, a ver se houbo unha orde dada polo rei Ciro para que se construíse esta casa de Deus en Xerusalén, e que se nos mande a decisión do rei sobre o caso".

**6** 1Entón o rei Darío deu a orde de facer investigacións nos arquivos da tesouraría, depositados aló en Babilonia; 2e, na fortaleza de Ecbátana da provincia de Media, deuse cun rolo no que estaba escrito:

Memorando: 3O primeiro ano do seu reinado, Ciro deu unha orde referente ao templo de Xerusalén: "A casa de Deus será reconstruída alí onde se ofrecen sacrificios e onde se encontran os fundamentos; a súa altura será de sesenta cóbados. 4Haberá alí tres ringleiras de pedras talladas e unha ringleira de madeira nova e a casa do rei cubrirá os gastos. 5Ademais, devolveranse os obxectos do templo de Deus, en ouro e prata, os que Nabucodonosor levara do templo de Xerusalén a Babilonia; cada un deles irá ao seu lugar no templo de Xerusalén. Depositaralos ti na casa de Deus".

6Polo tanto, ti, Taznai, gobernador de Transeufratina, Xetar-Boznai e mais os seus colegas, xentes de Arfaxac de Transeufratina, non vos ocupedes diso. 7Deixádelles facer o traballo de levantar a casa de Deus ao gobernador dos xudeus cos seus anciáns, sobre os seus cimentos. 8Estas son as miñas ordes relativas ao que tedes que facer con eses anciáns dos xudeus que constrúen esa casa de Deus: levántana a expensas dos bens do rei, mediante os impostos de Transeufratina. Débeselles, pois, asegurar a paga a eses homes sen interrupción. 9Canto sexa necesario, tenreiros, carneiros, años para os holocaustos do Deus dos ceos; trigo, sal, viño e aceite, segundo as indicacións dos sacerdotes de Xerusalén, entregaráselles día a día, sen falta, 10para que poidan levar ofrendas ao Deus do ceo e aplacalo, e pidan pola vida do rei e dos seus fillos. 11Velaquí as miñas ordes concernentes ao que non cumpra este edicto: arrínqueselle unha viga da súa casa e que o empalen todo dereito enriba; e convertan, ademais, a súa casa nunha morea de entullos. 12E aínda máis: que o Deus, o do nome que reside alí, aniquile todo rei e todo pobo que, en contra desta orde, queira destruír ese templo de Deus en Xerusalén. Eu, Darío, eu mesmo, dei a orde; que se cumpra así exactamente.

13Entón o gobernador de Transeufratina, Taznai, Xetar-Boznai e os seus colegas fixeron exactamente segundo a orde do rei Darío. 14Os anciáns dos xudeus seguiron coa obra sen dificultade, de acordo coa profecía de Axeo e de Zacarías, fillo de Idó, ata rematar o traballo, segundo a orde do Deus de Israel e a orde de Ciro, de Darío e de Artaxerxes, rei de Persia. 15Rematouse este templo o terceiro

**6**, 2 Ciro pasaba o inverno en Babilonia; a primavera, en Xuxán; e o verán, en Ecbátana. O seu edicto puido ser promulgado no verán do 538.

**6**, 3 As dimensións do templo reconstruído non se coñecen de certo. O que fixera Salomón tiña 60 cóbados de longo, 20 de largo e 30 de alto. As versións sirias só dan 20 cóbados de longo. Debía ser máis pequeno e menos suntuoso ca o de Salomón: por iso choraban os vellos.

**6**, 4 É coñecida a xenerosidade dos persas, tanto en Exipto como en Babilonia, con relación ao fomento do culto relixioso.

**6**, 6 Darío confirma as ordes de Ciro.

**6**, 8 Os xefes de Transeufratina non deben demorar a obra por cuestión de diñeiro.

**6**, 9 Os persas, sen dúbida asesorados por algún xudeu, estaban moi ao corrente de canto facía falta para o culto xudeu.

**6**, 10 A pregaria do pobo polo rei éralles recomendada por 1 Mac **7**, 33; Xer **29**, 7; Bar **1**, 11.

**6**, 11 Tanto os persas coma os asirios tiñan o bárbaro costume de empalar os homes, espetándoos vivos nun pau afiado. Darío empalou a tres mil babilonios.

**6**, 12 Vese clara a man dun escriba xudeu na redacción deste edicto. Dt **12**, 11; **14**, 23, e outros libros da Biblia empregan fórmulas semellantes.

**6**, 14 O profeta *Axeo* actuou polos anos 520 (Ax **1**, 1), e Zacarías continuou ata o 518, polo menos (Zac **1**, 1 e **7**, 1). O reino de Artaxerxes (465-425) é moi posterior á reconstrución do templo. O autor arameo deste documento inclúe o nome deste rei, quizais por ser contemporáneo seu, para recordar a súa acción, referente aos muros da cidade e do templo.

**6**, 15 *Mes de Adar*: febreiro-marzo. *O ano sexto do reinado de Darío*: o ano 515.

día do mes de *Adar*, o ano sexto do reinado de Darío. [16]Os israelitas –sacerdotes, levitas e o resto dos deportados– celebraron cheos de xúbilo a dedicación do templo de Deus. [17]Ofreceron con este fin cen touros, douscentos carneiros, catrocentos años, e polos pecados de todo o pobo, doce machos cabrúns, un por cada tribo. [18]Os sacerdotes, por grupos, e os levitas por clases estableceron o culto do templo de Xerusalén, de acordo coas prescricións do libro de Moisés.

### A Pascua

[19]Os deportados celebraron a Pascua o día catorce do primeiro mes; [20]dado que os sacerdotes xunto cos levitas se purificaran, todos estaban puros. Entón inmolaron a Pascua para todos os deportados, para os seus irmáns sacerdotes e para eles mesmos. [21]Desta maneira os israelitas, chegados da deportación, comeron con todos os que, despois deles, romperan coa impureza dos pobos pagáns, con miras a buscar o Señor, o Deus de Israel. [22]Celebraron con ledicia a festa do Pan Ácimo, durante sete días, pois o Señor enchéraos de xúbilo, cambiando o corazón do rei de Asiria respecto deles, co fin de que afianzaran as súas mans na tarefa da casa de Deus, do Deus de Israel.

### O escriba Esdras

**7** [1]Despois destes acontecementos, baixo o reinado do rei de Persia Artaxerxes, Esdras, fillo de Seraías, fillo de Azarías, fillo de Hilquías, [2]fillo de Xalum, fillo de Sadoc, fillo de Ahitub, [3]fillo de Amarías, fillo de Azarías, fillo de Meracot, [4]fillo de Zerahías, fillo de Uzí, fillo de Buquí, [5]fillo de Abixúa, fillo de Pinhás, fillo de Elazar, fillo de Aharón o sumo sacerdote [6]–este Esdras– subiu de Babilonia. Tratábase dun escriba experto na Lei de Moisés, dada polo Señor, Deus de Israel. O rei deulle todo canto tiña pedido, pois a man do Señor o seu Deus estaba con el. [7]Entre os fillos de Israel e os sacerdotes, os levitas, os cantores, os porteiros e os servos, algúns subiron a Xerusalén, no sétimo ano do rei Artaxerxes; [8]chegou, pois, a Xerusalén o quinto mes; era o sétimo ano do rei. [9]En efecto, o primeiro día do quinto mes chegou a Xerusalén, pois a boa man de Deus estaba sobre el. [10]Esdras, en efecto, entregárase de cheo a buscar a Lei do Señor, a poñela en práctica e a ensinar a Israel os mandamentos e costumes.

### Carta de Artaxerxes

[11]Velaquí a copia da acta oficial que o rei Artaxerxes entregou a Esdras, o sacerdote escriba, escribán das palabras ordenadas polo Señor e das súas leis a Israel:

[12]"Artaxerxes, rei de reis, a Esdras, sacerdote e escriba da Lei do Deus dos ceos, saúde etc. [13]Velaquí a miña orde: Todo aquel do pobo de Israel que vive no meu reino, sexa sacerdote ou levita, e quere ir canda ti a Xerusalén, pode facelo libremente. [14]Pois ti es o enviado polo rei e polos seus sete conselleiros, para observares como se practica en Xudá e Xerusalén a Lei de Deus, esa lei que ti tes na man; [15]tamén para levares a prata e o ouro das ofrendas voluntarias do rei e dos seus conselleiros ao Deus de Israel, o que ten o templo en Xerusalén, [16]e canta prata e ouro poidas xuntar en toda a provincia de Babilonia coas ofrendas voluntarias que o pobo e os sacerdotes acheguen para a casa do seu Deus en Xerusalén. [17]Así pois, con eses cartos coidaraste de mercar touros, carneiros, años e canto faga falta para as súas ofrendas e libacións; presentaralas sobre o altar da casa do voso Deus en Xerusalén. [18]E o que conveña facer, segundo o teu parecer e o dos teus irmáns, co resto da prata e do ouro, farédelo de acordo coa vontade do voso Deus. [19]Os obxectos que che serán dados para o servizo da casa do Señor, depositaos diante do Deus de Xerusalén. [20]O resto do que fai falta para a casa do teu Deus e que te incumbe asegurar, incluiralo na conta da tesourería do rei. [21]Eu, o rei Artaxerxes, eu dou a orde a todos os tesoureiros de Transeufratina para que fagan exactamente todo canto vos pida o sacerdote Esdras, escri-

**6**, 16 Esta consagración é distinta da dedicación do templo, por Xudas o Macabeo, no ano 164.
**6**, 18 *O libro de Moisés* non fala nin dos levitas nin das distintas clases de sacerdotes, que se lle atribúen a David (cf 1 Cro **23**, 6-23 e **24**, 3-31).
**6**, 19 Isto é, no mes de *Nisán* (marzo-abril).
**6**, 21 Trátase de comer xuntos a Pascua, tanto os que viñeron da deportación, coma os que quedaran en Israel, coa soa condición de romper todo lazo cos pagáns.
**6**, 22 O rei de Asiria, é dicir, Darío o rei persa. O reino asirio xa non existía había tempo. Co nome de Asiria desígnase toda a Mesopotamia, que collera o relevo de Asiria no tocante ao poderío.
**7**, 1 Os cc. **7-9** contan a historia de Esdras, valéndose da fonte chamada "Memoria de Esdras" (cf Introd. 3a). O nome de Esdras significa "Señor axuda". Era un gran perito na Lei, da familia de Aharón.
**7**, 14 A misión oficial de Esdras era a de examinar a situación política e relixiosa de Israel.
**7**, 16 A parte das ofrendas dos xudeus establecidos en Babilonia, podían contar coas dos pagáns.
**7**, 24 Unha tal exención de impostos era cousa ordinaria daquela en Persia.

ba da Lei do Deus de Israel, [22]ata a cantidade de cen talentos de prata, cen cargas de trigo, cen pipas de viño e cen de aceite, e canto sal queira. [23]Fágase puntualmente canto ordene o Deus dos ceos referente ao seu templo, co fin de que a súa cólera non se desate contra o imperio do rei e contra os seus fillos. [24]Facémosvos saber, ademais, que todos os sacerdotes, levitas, cantores, porteiros e servos e servidores de Deus, quedan eximidos de pagar impostos ou dereito de peaxe. [25]En canto a ti, Esdras, coa sabedoría do teu Deus, que é o que te dirixe, nomea xuíces, maxistrados que fagan xustiza a todo o pobo de Transeufratina, a todos cantos coñecen as leis do teu Deus e farédesllelas coñecer aos que as ignoran. [26]A quen non cumpra a Lei do teu Deus e a lei do rei con exactitude, aplicaráselle a sentenza: ou de morte, ou de desterro, ou pagar unha multa, ou o cárcere".

[27]Loado sexa o Señor, o Deus dos nosos pais que puxo no corazón do rei a vontade de honrar deste xeito a casa do Señor, en Xerusalén. [28]E logroume, o mesmo, o seu favor e o dos seus conselleiros e máis altos ministros. Cheo, polo tanto, de seguridade, pois a man do Señor meu Deus estaba sobre min, xuntei algúns xefes de Israel para que saísen canda min.

### Os compañeiros de Esdras

**8** [1]Lista dos cabezas de familia, coas súas xenealoxías, que subiron canda min desde Babilonia, durante o reinado do rei Artaxerxes; [2]fillos de Pinhás: Guerxom; dos fillos de Itamar: Daniel; dos fillos de David: Hatux, [3]descendente de Xecanías; dos fillos de Parox: Zacarías cos que foron rexistrados cento cincuenta homes; [4]dos fillos de Pahat-Moab: Elioenai, fillo de Zerahías e con el, douscentos homes; [5]dos fillos de Zatú: Xecanías, fillo de Iahaziel e, con el, trescentos homes; [6]e dos fillos de Adín: Ebed, fillo de Ionatán e, con el, cincuenta homes; [7]e dos fillos de Elam: Isaías, fillo de Atalías e, con el, setenta homes; [8]e dos fillos de Xefatías: Zebadías fillo de Micael e, con el, oitenta homes; [9]dos fillos de Ioab: Abdías, fillo de Iehiel e, con el, douscentos dezaoito homes; [10]e dos fillos de Bani: Xelomit, fillo de Iosifías e, con el, cento sesenta homes; [11]e dos fillos de Bebai: Zacarías fillo de Bebai e, con el vinte e oito homes; [12]e dos fillos de Azgad: Iohanán, fillo de Catán e, con el, cento dez homes; [13]e dos fillos de Adonicam: os derradeiros, con estes nomes: Elifélet, Iehiel e Xemaías e, con eles, sesenta homes; [14]e dos fillos de Bigbai: Utai e Zabud e, con el, setenta homes.

### Viaxe de Esdras e Xerusalén

[15]Reuninos onda o río que vai morrer no Ahavá e acampamos alí tres días. Entón deime conta de que había leigos e sacerdotes, pero non había ningún levita. [16]Mandei, pois, aos xefes Eliezer, Ariel, Xemaías, Elnatán e Iarib, Elnatán, Natán, Zacarías, Mexulam, e tamén aos instrutores Ioiarib e Elnatán, [17]coa orde de iren onda Idó, xefe da localidade de Casifiá; e puxen na súa boca as palabras que tiñan que dicir a Idó e aos seus irmáns os servidores na localidade de Casifiá, co fin de que nos trouxesen servidores para a casa do noso Deus. [18]Como a boa man do noso Deus estaba sobre nós, mandáronnos un home asisado, un dos fillos de Mahli, fillo de Leví, fillo de Israel, é dicir, a Xerebías, cos seus fillos e irmáns, en total dezaoito, [19]e tamén a Haxabías e con el Isaías, un dos fillos de Merarí, cos seus irmáns e os seus fillos, en total vinte homes; [20]e entre os servidores que David e os xefes deran para o servizo dos levitas, douscentos vinte servidores, todos designados polos seus nomes.

[21]Proclamei alí, onda o río Ahavá, un xaxún, a fin de nos aflixirmos diante do noso Deus e buscar o seu favor e termos unha feliz viaxe, nós e os nosos nenos e bagaxes. [22]Pois non ousabamos pedirlle ao rei infantes e xinetes que nos protexesen dos nosos inimigos durante a marcha, despois de que lle dixemos: "O noso Deus protexe aos que o serven, mentres que o seu furor e cólera volven contra os que o abandonan".

[23]Xaxuamos, pois, pedindo este favor ao noso Deus, e el escoitounos benignamente. [24]Despois disto escollín doce xefes de entre os sacerdotes con Xerebías, Haxabías e dez dos seus irmáns con eles. [25]Pesei diante de-

**7**, 27 A "Memoria de Esdras" empeza por unha loanza ao Señor, Deus de Israel. O texto foi escrito de novo en hebreo. A acción de Deus é clara, incluso entre os pagáns.
**8**, 1 A caravana de Esdras compúñase de familias sacerdotais, de representantes de David e de xefes xudeus no nome de todo o pobo de Israel. A familia sacerdotal de Esdras é a de Sadoc. A aharonita tamén vai levantando cabeza pouco a pouco.
**8**, 15 *Ahavá*, lugar descoñecido de Babilonia, é, ao mesmo tempo, o nome dun regato ou pequeno río. Ao parecer, agardaron moito tempo, en espera de xuntar máis xente, sobre todo levitas.
**8**, 20 Isto é, sinalados nalgún rexistro.
**8**, 25 A contribución real mostraba a lexitimidade do santuario de Xerusalén ante os xefes persas.

les a prata, o ouro e os obxectos que o rei, os seus conselleiros e os israelitas residentes alí entregaran como ofrenda ao templo do noso Deus. [26]Xa pesados, puxen nas súas mans seiscentos cincuenta talentos de prata, obxectos de prata equivalentes a cen talentos, outros cen talentos de ouro, [27]vinte copas de ouro por mil dáricos, dous obxectos de bronce brillante, fermosísimos, preciosos coma o ouro. [28]Despois díxenlles: –Vós estades consagrados ao Señor, eses obxectos están consagrados e a prata e o ouro son unha ofrenda voluntaria ao Señor, o Deus dos nosos pais; [29]gardádeo todo moi ben ata que o pesedes diante dos xefes de familia de Israel, en Xerusalén nas estancias da casa do Señor.

[30]Entón os sacerdotes e os levitas tomaron ao seu cargo a prata, o ouro e os obxectos pesados para levalos a Xerusalén á casa do noso Deus. [31]Saímos de onda o río Ahavá o doce do primeiro mes para irmos a Xerusalén. A man do noso Deus estaba sobre nós e, no camiño, arrincounos das mans do inimigo e dos salteadores en emboscada. [32]Chegamos a Xerusalén e repousamos alí tres días. [33]No cuarto día pesamos a prata, o ouro e os obxectos na casa do noso Deus, entre as mans do sacerdote Meremot, fillo de Urías, de Elazar, fillo de Pinhás, que estaba con el, e xunto con eles os levitas Iozabad, fillo de Iexúa, e Noadías, fillo de Binui. [34]Número e peso, todo estaba alí, e o total do peso foi consignado por escrito. Nese mesmo tempo, [35]os que chegaron da catividade, os deportados, ofreceron en holocausto ao Deus de Israel doce touros por todo Israel, noventa e seis carneiros, setenta e sete años, doce machos cabrúns polo pecado: todo en holocausto ao Señor. [36]Despois transmitiron as ordes do rei aos sátrapas e aos gobernadores de Transeufratina, que sostiveron o pobo e a casa de Deus.

### Pregaria humilde de Esdras

**9** [1]Rematado todo isto, viñeron onda min os xefes, dicíndome: –O pobo de Israel, os sacerdotes e os levitas non viven afastados das xentes do país. Conformes coas abominacións dos cananeos, hititas, pericitas, iebuseos, amonitas, exipcios e amorreos, [2]tanto eles coma os fillos casaron coas súas fillas, e a raza santa mesturouse cos pobos pagáns. Os xefes e os notables foron os primeiros en lixar as mans con esa infamia de infidelidade.

[3]Cando souben iso, rachei o meu vestido e o meu manto, rapei a cabeza e a barba, e senteime desolado. [4]Todos cantos tremían ante as palabras divinas xuntáronse comigo ao coñeceren tal desacato dos deportados. Eu seguín sentado ata a ofrenda da tarde. [5]A esa hora dei remate á miña prostración e co vestido e manto rachados, axeonlleime e levantei as mans ao Señor, meu Deus, [6]dicíndolle: –Meu Deus, avergóñome e non me atrevo a levantar a ti o rostro, porque os nosos pecados exceden a nosa cabeza e chega ata o ceo a nosa culpa. [7]Desde os tempos de nosos pais ata hoxe fixémonos reos de grandes ofensas; e polos nosos delitos, tanto nós coma os nosos reis e sacerdotes, fomos entregados aos reis estranxeiros, á espada, ao exilio, ao saqueo, á ignominia, que é, ao presente, a nosa triste situación. [8]Mais agora, Señor, noso Deus, concedíchesnos un momento de respiro, deixándonos un resto e un sitio no teu lugar santo. Deste xeito, o noso Deus iluminou os nosos ollos e deunos un pouco de vida na nosa escravitude. [9]Pois somos escravos, mais o noso Deus non nos abandonou na nosa servidume. Acadounos o favor dos reis de Persia, verteu sobre nós a súa fidelidade co fin de darnos a vida para poder reconstruír o templo do noso Deus, recompoñendo as súas ruínas e dándonos un muro en Xudea e Xerusalén. [10]E agora, Deus noso, que podemos dicir despois de todo isto? Abandonamos os teus mandamentos, [11]os que nos deches por medio dos teus servos os profetas, dicindo: "A terra na que ides entrar para posuíla é unha terra inmunda, lixada polas xentes do país e polas abominacións que a enchen dun cabo ao outro coas súas miserias. [12]Por conseguinte, non lles deades as vosas fillas aos seus fillos, nin tomedes as súas fillas por mulleres dos vosos fillos. Endexamais busquedes a súa alianza nin o seu favor, para que deste xeito vos fortalezades e poidades comer dos bens do país e deixárllelos en posesión aos vosos fillos para sempre".

**8**, 27 *O dárico* é unha moeda de ouro.
**8**, 33 Este tal *Meremot* pertencía á familia de Hacós. Non lle resultou fácil demostrar a súa orixe sacerdotal.
**9**, 1 Por *abominación* enténdense as prácticas idolátricas, provocadas moitas veces por casar con mulleres pagás. A lista recolle os nomes dos pobos pagáns cos que loitou Israel xa desde os tempos do Éxodo.
**9**, 4 *A ofrenda da tarde* tíñase a iso das tres.
**9**, 8 Este *momento* durou setenta ou oitenta anos, caso de que se refira ao desterro en Babilonia.
**9**, 9 Aquí fálase dun *muro*. No caso de tratarse da muralla, suporía que Esdras veu despois de que Nehemías a reedificara; pero o máis seguro é que se refira ao muro de protección pola parte do seu Deus.
**9**, 12 Tales casorios ameazaban a pureza da raza, a fe, e mesmo o entusiasmo dos deportados.

[13]Despois de todo canto nos aconteceu polas nosas malas accións e pola nosa gran culpabilidade, aínda que ti, Deus noso, non reparaches moito nos nosos delitos e deixáchesnos saír con vida, [14]violaremos de novo os teus preceptos, emparentando con estes pobos abominables? Non te anoxarías contra nós ata aniquilarnos sen deixar nin un sobrevivente? [15]Señor, Deus de Israel, este resto que hoxe segue vivo demostra que ti es xusto. Aquí estamos diante de ti como reos, pois non podemos xustificarnos na túa presenza despois de canto nos ocorreu.

### Expulsión das mulleres estranxeiras

**10** [1]Mentres Esdras, chorando e prostrado diante do templo de Deus, rezaba e facía esta confesión, unha multitude moi grande de israelitas –homes, mulleres e nenos– foise xuntando a el, chorando sen parar. [2]Entón Xecanías, fillo de Iehiel, un dos fillos de Elam, tomou a palabra e díxolle a Esdras: –Fomos infieis ao noso Deus, tomando mulleres estranxeiras dos pobos pagáns. Mais isto aínda pode ter remedio para Israel: [3]fagamos agora unha alianza co noso Deus, comprometéndonos a despedir as mulleres estranxeiras xunto cos fillos que delas tivemos, de acordo co que o señor di e segundo o consello de todos os que temen o mandato do noso Deus. Que se faga segundo a Lei. [4]Ponte en pé, que isto é cousa túa; nós estamos ao teu lado. Ánimo e mans á obra.

[5]Entón Esdras levantouse e fixo xurar aos xefes dos sacerdotes, dos levitas e de todo Israel, que se faría como dixese. E xurárono. [6]Entón Esdras levantouse de onde estaba, cara á casa de Deus, e dirixiuse ao apousento de Iehohanán, fillo de Eliaxib. Unha vez chegado, non comeu nin bebeu nada, en sinal de dó, aflixido pola infidelidade dos deportados. [7]Fixo publicar unha proclama en Xudá e Xerusalén, a fin de que todos os deportados se xuntasen en Xerusalén. [8]O que non acudise no prazo de tres días, tempo establecido polas autoridades e senadores, seríanlle confiscados os bens e el excluído da comunidade dos repatriados. [9]Entón todos os homes de Xudá e de Benxamín xuntáronse en Xerusalén o terceiro día; era o vinte do noveno mes. Todo o pobo ficaba na praza do templo, tremendo por culpa dese asunto e pola moita chuvia.

[10]O sacerdote Esdras levantouse e díxolles: –Fixestes moi mal casando con mulleres estranxeiras, aumentando por ese camiño a culpabilidade de Israel. [11]Agora, pois, confesádevos ao Señor, o Deus de vosos pais, e facede a súa vontade: afastádevos dos pobos pagáns e das mulleres estranxeiras.

[12]Toda a asemblea respondeu con forte voz: –É verdade. Débese facer como ti dis. [13]Pero o pobo é numeroso e estamos na estación das chuvias. Non se pode seguir fóra. Ademais, non é cousa dun día nin de dous, pois somos moitos os que quebrantamos ese mandamento. [14]Que os nosos xefes volvan aquí no nome de toda a asemblea e que todos cantos nas nosas vilas tomaron mulleres estranxeiras veñan no tempo fixado cos anciáns de cada vila xunto cos seus xuíces, ata que a cólera do noso Deus, acesa por este motivo, se aparte de nós.

[15]Con todo, Ionatán, fillo de Asahel, e Iahzías, fillo de Ticrah, opuxéronse, apoiados por Mexulam e polo levita Xabtai. [16]Mais os deportados fixeron como se lles dixera. O sacerdote Esdras escolleu a algúns dos cabezas de familia, segundo as súas liñaxes, designándoos polos seus nomes. [17]E o un do primeiro mes remataron o asunto de todos os homes que casaran con estranxeiras.

### Lista dos culpables

[18]Entre os fillos dos sacerdotes que tomaran mulleres estranxeiras, atopáronse: Entre os fillos de Xosué, fillo de Iosadac e seus irmáns: Maseías, Eliézer, Iarib e Guedalías; [19]comprometéronse a despedir as súas mulleres e ofrecer un carneiro para repararen a ofensa; [20]entre os fillos de Imer: Henaní e Zabadías; [21]entre os fillos de Harim: Maseías, Elías, Xemaías, Iehiel e Ozías; [22]entre os fillos de Paxhur: Elioenai, Ismael, Netanel, Iozabad e Eleasah. [23]Entre os levitas: Iozabad, Ximí, Quelaías, o quelita, Petahías, Yehudah e Eliézer. [24]Entre os cantores: Eliaxib. Entre os porteiros: Xalum, Télem e Urí. [25]Referente aos israelitas: entre os fillos de Parox: Ramíah, Izías, Malaquías, Miiamín,

**9**, 13 O Deus de Israel deixou a un lado os pecados do seu pobo, que por si non tiña dereito ao perdón, pois foi el quen abandonou ao seu Deus, e non á inversa.
**10**, 3 *Señor* con minúscula refírese a Esdras.
**10**, 6 Non está ben probado cal ministerio é antes: o de Esdras ou o de Nehemías. Este, sen dúbida, é antes, se Iohanán é o sumo sacerdote que exerceu o seu oficio polo 410, baixo Darío II; e se Eliaxib é o sumo sacerdote do tempo de Nehemías (Neh **3**, 1 e **13**, 28).
**10**, 8 Na época de Esdras os bens confiscados non se destruían, senón que se levaban ao templo.
**10**, 9 *O noveno mes* (o de *Kisleu*) caía en inverno (nov.-dec.), no tempo das chuvias.
**10**, 17 A reforma durou tres anos.

Elazar, Malaquías e Benaías. [26]Entre os fillos de Elam: Matanías, Zacarías, Iehiel, Abdi, Ieremot e Elías; [27]entre os fillos de Zatú: Elioenai, Eliaxib, Matanías, Ieremot, Zabad e Azizá; [28]entre os fillos de Bebai: Iehohanán, Hananías, Zabai, Atlai; [29]entre os fillos de Baní: Mexulam, Maluc, Adaías, Iaxub, Xeal, Ieremot; [30]entre os fillos de Pahat-Moab: Adná, Kelal, Benaías, Maseías, Matanías, Besalel, Binuí, Menaxés; [31]entre os fillos de Harim: Eliézer, Ixías, Malaquías, Xemaías, Simeón, [32]Benxamín, Maluc, Memarías; [33]entre os fillos de Haxum: Matenai, Matatah, Zabad, Elifélet, Ieremai, Menaxés, Ximí; [34]entre os fillos de Baní: Madai, Amram, Uel, [35]Benaías, Bedía, Keluí, [36]Vanías, Meremot, Eliaxib, [37]Matanías, Matenai e Iasai; [38]entre os fillos de Binui: Ximí, [39]Xelemías, Natán, Adaías; [40]entre os fillos de Zacai: Xaxai, Xarai, [41]Azarel, Xelemías, Xemaría, [42]Xalum, Amarías, Xosé; [43]entre os fillos de Nebó: Iehiel, Matatías, Zabad, Zebiná, Iadai, Ioel, Benaías.

[44]Todos eses tomaran mulleres estranxeiras; e mesmo entre eles había mulleres das que xa tiveran fillos.

# NEHEMÍAS

### Pregaria de Nehemías

**1** [1]Palabra de Nehemías, fillo de Hacalías.
Sucedeu que no mes de *Kisleu* do vixésimo ano, estando eu en Xuxán, a cidade forte, [2]Hananí, un dos meus irmáns, veu de Xudá, el e algúns homes máis, e fixenlles preguntas relativas aos xudeus rescatados, o resto sobrevivente da catividade, e por Xerusalén. [3]Eles contáronme: –Os que ficaron da catividade aló na provincia, están nunha gran desgraza e vergonza; a muralla de Xerusalén ten fendas e as súas portas foron queimadas.

[4]Ao oír estas palabras, sentei, chorei e a pena apoderouse de min durante uns días. Despois xaxuei e recei na presenza do Deus dos ceos. [5]Dixen: –Ah, Señor, Deus dos ceos, Deus grande e temible, que gardas a alianza e a fidelidade para con aqueles que te aman e cumpren os teus mandamentos, [6]que os teus oídos estean atentos e os teus ollos abertos para escoitar a pregaria do teu servo. Neste momento, día e noite rezo diante de ti polos fillos de Israel, os teus servidores. Confeso os pecados que nós cometemos contra ti, eu e a casa de meu pai. [7]Verdadeiramente ofendémoste e non gardamos os mandamentos, as leis e os costumes que deches ao teu servo Moisés. [8]Pero lémbrate da palabra que, polo teu mandato, pronunciou o teu servo Moisés: "Se sodes infieis, eu esparexereivos entre os pobos; [9]mais se tornades a min e gardades os meus preceptos e os poñedes en práctica, aínda que os vosos deportados se encontren nos confíns do mundo, irei alí reunilos e traelos ao lugar que escollín para morada do meu nome". [10]Eles son os teus servidores e o teu pobo que ti rescataches co teu gran poder e forte man. [11]Ah, Señor, que o teu oído estea atento ao rogo do teu servo e dos teus servidores que se enchen de ledicia temendo o teu nome. Concede ao teu servo a graza de achar misericordia na presenza deste home.

Eu era entón o copeiro do rei.

### Viaxe de Nehemías a Xerusalén

**2** [1]No mes de *Nisán* do vixésimo ano do rei Artaxerxes, cando xa tiña servido o viño, ofrecín ao rei unha copa. Como eu xamais estivera triste diante del, [2]o rei díxome: –Por que tes o teu rostro triste? É que estás doente? Ou trátase só dunha tristura do corazón?

A min entón invadiume un gran temor. [3]Contesteille ao rei: –Que o rei viva por sempre. Como non vai estar triste o meu rostro, cando a cidade onde están as sepulturas de meus pais foi devastada, e as súas portas devoradas polo lume?

[4]O rei díxome: –Que é entón o que pretendes?

Eu recei ao Deus dos ceos [5]e despois díxenlle ao rei: –Se iso lle parece ben ao rei e se o teu servidor é grato aos teus ollos, mándame camiño de Xudá, cara á cidade das tumbas de meus pais, para reconstruíla.

[6]O rei e a raíña, sentada ao seu lado, preguntáronme: –Canto durará a túa viaxe e cando volverás?

Pareceulle ben ao rei a data que lle indiquei e deixoume partir. [7]Eu engadín: –Se a cousa lle parece ben ao rei, que se me dean cartas para o gobernador de Transeufratina, a fin de que eles me deixen pasar ata chegar a Xudá [8]e tamén unha carta para Asaf, garda do parque real, a fin de que me dea a madeira para construír as portas da cidadela do templo e para as murallas da cidade e a casa onde eu me instale.

O rei deume esas cartas, pois a boa man do meu Deus estaba sobre min. [9]Presenteime, pois, aos gobernadores de Transeufratina

**1**, 1 Transcribimos Nehemías onde o hebreo di "Nehemíah". Nehemíah significa "o Señor consola". As súas palabras pódense chamar tamén "actas". Son tres os personaxes que levan este nome neste mesmo libro (**1**, 1; **3**, 16 e **7**, 7). O mes de *Kisleu* do ano 20 de Artaxerxes coincide en nov.-dec. do ano 446 (cf nota a Esd **10**, 9).
**1**, 3 *A provincia* é Palestina, provincia de Persia, dentro do seu imperio. Referente ás fendas, hai que se decatar de que, a partir do ano 587, ou sexa, desde algo máis de 140 anos, a muralla víase desamparada, en mans inimigas, e acusa os resultados.
**1**, 4ss A desgraza do seu pobo arrinca do corazón de Nehemías abondas bágoas. No xaxún e no pranto implora a misericordia do Deus de Israel, polos méritos do seu servo Moisés, intermediario entre Deus e o pobo.
**1**, 9 O que aquí se di non se atopa á letra en ningún texto da Biblia, pero as ideas están no Deuteronomio, sobre todo en **30**, 1-5.
**1**, 11 Ese home é Artaxerxes. Nehemías era un personaxe importante na corte do rei.
**2**, 1 É fácil que aínda se usara o antigo calendario xudeu, e polo tanto, o mes de *Nisán* (marzo-abril) viña despois do de *Kisleu*, pois o ano empezaba no outono. Segundo o noso cómputo a data correspondería a marzo-abril do 445.
**2**, 6 A primeira estancia de Nehemías en Xerusalén foi aos doce anos (cf **5**, 14 e **13**, 6).

e deilles as cartas do rei. O rei mandárame tamén oficiais do exército e xinetes. [10]Sambalat, o horonita, e Tobías, o servidor amonita, souberon a noticia e desgustáronse moito ao veren que alguén viña preocupándose do maior ben dos fillos de Israel. [11]Cheguei a Xerusalén e detívenme alí tres días. [12]Despois erguinme pola noite, con algúns homes máis, pero sen lle revelar a ninguén canto Deus me puxera no corazón para levar a cabo en Xerusalén. Cabalgadura só tiña unha, a que eu montaba. [13]Saín de noite pola porta do Val cara á fonte do Dragón e á porta do Esterco. Examinei coidadosamente as murallas de Xerusalén e decateime de que case non había máis ca fendas, e que as portas foran devoradas polo lume. [14]Pasei cara á porta da Fonte e cara ao estanque real, pero non vin alí sitio por onde pasar a cabalgadura que levaba. [15]Subín, entón, polo torrente (aínda era noite) e examinei a muralla moi atentamente. Despois dei a volta pola porta do Val ata a casa. [16]As autoridades non souberon onde fora, nin o que pensaba facer. É que aínda non lles dixera nada aos xudeus, aos sacerdotes, aos notables e maxistrados, nin aos outros que se ocupaban dos traballos. [17]Entón díxenlles: –Xa vedes a triste situación na que nos encontramos: Xerusalén devastada e as súas portas queimadas. Hai, pois, que reconstruír a muralla de Xerusalén e non sexamos máis unha irrisión.

[18]Reveleilles como a man do meu Deus, a súa boa man, estaba sobre min e canto o rei me dixera. Eles dixeron entón: –En pé, a traballar!

E puxeron mans á obra con moitos azos. [19]Cando o souberon o horonita Sambalat, o servo amonita Tobías, e Guéxem, o árabe, ríronse de nós e dicían con desprezo: –Que é o que ides facer? Rebelástesvos contra o rei?

[20]Eu respondinlles, dicindo: –É o Deus dos ceos, El mesmo, o que nos dará o éxito. Nós, os seus servos, levantarémonos e construiremos. Para vosoutros non haberá parte ningunha, nin dereito nin recordo en Xerusalén.

### Reparación dos muros de Xerusalén

**3** [1]Eliaxib, o sumo sacerdote, levantouse, xuntamente cos seus irmáns, os sacerdotes, e construíron a porta das Ovellas. Consagrárona e puxéronlle os batentes; despois consagraron a muralla ata a torre dos Cento, ata a torre de Hananel. [2]Ao seu lado construíron os homes de Iericó e ao lado construíu Zacur, fillo de Imrí. [3]Os fillos do Senaah fixeron a porta dos Peixes e foron tamén eles os que a colocaron e fixaron os seus batentes, trancas e ferrollos. [4]Deseguido traballou Meremot, fillo de Urías, fillo de Hacós, e ao seu lado traballou Mexulam, fillo de Berequías, fillo de Mexezabel; xunto del traballou Sadoc, fillo de Baná; [5]ao seu lado traballaron os de Tecoa, pero os seus notables non se sumaron ao servizo dos seus señores. [6]Ioiadá, fillo de Paséah, e Mexulam, fillo de Besodía, traballaron na porta do arrabalde novo; foron eles os que fixaron os seus batentes, trancas e ferrollos. [7]Ao seu lado traballou Melatías o gabaonita, e tamén Iadón o meronotita, os homes de Gabaón e de Mispah, dependentes do solio do gobernador de Transeufratina. [8]O seu lado traballou Uziel, fillo de Harhaías o ourive, e ao seu lado traballou Hananías o perfumista. Fóronse de Xerusalén unha vez rematada a muralla longa. [9]Canda eles traballou Refaías, fillo de Hur, xefe da metade do distrito de Xerusalén. [10]A continuación traballou Iedaías, fillo de Harumaf, fronte da súa casa, e ao seu lado traballou Hatux, fillo de Haxafnías. [11]No segundo treito traballou Malaquías, fillo de Harim, como tamén Haxub, fillo de Pahat-Moab; o mesmo que na torre dos Fornos. [12]O seu lado traballou Xalum, fillo de Lohex, xefe da metade dun sector de Xerusalén, el e as súas fillas. [13]Na porta do Val traballou Hanún cos habitantes de Za-

**2**, 10 Estes dous personaxes, con grande responsabilidade na rexión, opúñanse a Nehemías. Polos nomes, vese que eran de orixe xudía, aínda que mesturados cos pagáns. *Horonita* pode querer dicir de Bet-Horón, preto de Xerusalén, ou ben de Horonaim, país de Moab. *Tobías* era un xudeu, ao servizo dos amonitas.
**2**, 15 Trátase do barranco do Cedrón, ao L das murallas de Xerusalén.
**2**, 16 Estes nomes que designan os personaxes, son incertos.
**2**, 19 *Guéxem* é o terceiro personaxe. Volverá a aparecer en **6**, 1-2. 6.
**3**, 1 Esta porta estaba ao N da cidade, cara ao ángulo NL da muralla. As torres de que se fala aquí non son coñecidas. Quizais estivesen ao O da porta das Ovellas.
**3**, 3 Máis ao O. Sen dúbida, lugar dalgún comercio de peixe, abastecido polas xentes de Tiro (cf **13**, 16).
**3**, 5 Trátase dos habitantes de Técoa, ao S de Belén.
**3**, 6 Ou sexa, *a porta Vella*, quizais a da cidade vella.
**3**, 7 *Dependentes do solio*...: pagados polo gobernador.
**3**, 8 *Muralla longa*, sen dúbida a parte máis fortificada, por ser a de máis perigo fronte aos inimigos.
**3**, 11 Por aquí vese que traballaban por equipos. A torre dos Fornos é a do ángulo NO da cidade.
**3**, 12 É a primeira vez que aparecen mulleres, fillas dun operario. Pódese tratar das que practicaban a adiviñación, pois "Lohex" significa adiviño.
**3**, 13 *Porta do Val*: porta ao SO da cidade, que daba ao val de Hinnom, de aí o seu nome. A *do Esterco* estaba ao S da cidade, lugar das varreduras, de aí tamén o nome.

nóah; foron eles os que a fixeron, asegura-
ron os seus batentes, coas barras e fechos, e
reconstruíron cincocentos metros de muralla
ata a porta do Esterco. 14A porta do Esterco
restaurárona Malaquías, fillo de Recab, xefe
do distrito do Casalhorto; foi el quen a cons-
truíu, fixando os seus batentes, trancas e fe-
chos. 15Xalum, fillo de Kol-Hozeh, xefe do
sector de Mispah, traballou na porta da Fon-
te; foi el quen a fixo, cubriuna e púxolle os
batentes, trancas e ferrollos; tamén construíu
a muralla do estanque de Xélah, onda o xar-
dín real, ata a esqueira que baixa da cidade de
David.

16Despois del traballou Nehemías, fillo de
Azbuc, xefe de medio distrito de Caspena,
ata as tumbas de David, o estanque artificial
e a casa dos Valentes. 17Ao seu lado traballa-
ron os levitas: Rehúm, fillo de Baní e, a par
del, traballou no seu propio distrito Haxvías,
xefe da metade do sector de Queilah: 18Des-
pois del traballaron os seus irmáns: Binuí, fi-
llo de Henadad, xefe da metade do sector de
Queilah. 19Ao seu lado traballou Ézer, fillo de
Iexúa, xefe de Mispah, noutro tramo, a partir
do sitio que cae fronte á subida do arsenal, no
esquinal. 20Despois del traballou con gran co-
raxe Baruc, fillo de Zabai, noutro tramo, des-
de o esquinal ata a entrada da casa de Eliaxib,
o sumo sacerdote. 21Despois del traballou
Meremot, fillo de Uría, fillo de Hacós, nou-
tra parte, desde a entrada da casa de Eliaxib
ata o extremo da casa de Eliaxib. 22E despois
del traballaron os sacerdotes, chegados dos
contornos. 23Despois traballou Benxamín e
tamén Haxub, diante da súa casa; despois tra-
ballou Azarías, fillo de Maseías, fillo de Ana-
sías, ao lado da súa casa. 24Despois del traba-
llou Binuí, fillo de Henadad, noutra parte, a
partir da casa de Azarías ata o recanto e ata
o esquinal; 25Palal, fillo de Uzai, continuou a
partir do esquinal e a torre superior do pala-
cio real, a alta, a que dá ao patín do cárcere.
A par del, Pedaías, fillo de Parox, restaurou
26ata a porta das Augas, ao leste da torre su-
perior. 27Despois del traballaron os de Tecoa,
noutro tramo, a partir do lugar que está dian-
te da torre superior, ata a muralla do Ofel.
28Despois da parte alta da porta dos Cabalos
traballaron os sacerdotes, cada un diante da
súa casa. 29A continuación traballou Sadoc,
fillo de Imer, diante da súa casa, e despois del
traballou Xemaías, fillo de Xecanías, gardián
da porta do Leste. 30Despois del traballou Ha-
nanías, fillo de Xelemías, e tamén Hanún, fi-
llo de Salaf o sexto, noutro treito. A continua-
ción traballou Mexulam, fillo de Berequías,
diante da súa morada. 31Despois del traballou
Malaquías o ourive ata a casa dos servidores
e dos comerciantes, fronte á porta de Mifcad
ata a cela alta do esquinal. 32Entre a cela alta
do esquinal e a porta das Ovellas traballaron
os ourives e os comerciantes.

**Os inimigos opóñense á reconstrución**

33Cando Sambalat soubo que nós levan-
tabamos a muralla, encheuse de cólera e de
furor. Burlouse dos xudeus 34e falou na pre-
senza de seus irmáns e das tropas de Samaria,
dicindo: –Que fan eses infelices? Déixaselles
traballar? Van ofrecer sacrificios? Van rema-
tar hoxe? Farán revivir as pedras de entre os
pardiñeiros, agora que xa están calcinadas?

35O amonita Tobías estaba ao seu lado e
dixo: –Eles constrúen, mais, en canto suba
unha raposa á súa muralla de pedra, fará nela
unha fenda.

36–Escoita, Deus noso, como se burlan
de nós. Fai caer os seus insultos sobre a súa
cabeza e entrégaos ao desprezo nun país de
catividade. 37Non perdoes a súa falta, e que o
seu pecado non se borre diante de ti; porque
cometeron unha ofensa contra os que cons-
trúen.

38Reconstruímos, pois, a muralla, e toda
ela foi reparada ata media altura. O pobo to-
mou moi a peito o facela.

**4** 1Cando Sambalat, Tobías, os árabes e os
axdoditas caeron na conta de que a res-
tauración das murallas de Xerusalén progre-
saba e de que se empezaban a cerrar as fen-
das, a súa cólera foi moi grande. 2Xuntáronse
todos para viren atacar Xerusalén e causar
nela estragos. 3Entón suplicamos ao noso
Deus e puxemos gardas para que os vixiasen

**3**, 14 *Casalhorto*: localidade dos arredores de Belén.
**3**, 15 *A porta da Fonte* estaba ao SL da cidade, e leva este nome pola fonte de Sulín (Ain Róguel?). En canto ao canal, non é fixo que se trate de Siloé, aínda que "xélah" signifique canal. "Cidade de David", ou sexa, a parte máis ao S da mesma, onde se atopaba a antiga cidade do rei profeta.
**3**, 22 Os homes dos arredores son os de Iericó, preto do Xordán (cf Xén **13**, 10).
**3**, 26 *A porta das Augas* pode ser a do pazo real, e non a da muralla. O traballo facíase onda o pazo. Había tamén unha praza.
**3**, 36 Esta pregaria de Nehemías pode estar tomada de oracións litúrxicas (cf Xer **18**, 23).
**4**, 1-9 Os inimigos dos arredores, alarmados, dispóñense a atacar por sorpresa; mais Nehemías, avisado a tempo, arma aos seus, e dálles a orde de vixiar de noite. Poñen toda a súa confianza no Señor. A metade traballa e a outra metade empuña a espada.

día e noite. [4]Mais Xudá dicía: –A forza dos traballadores esgótase, e hai moitos entullos. Xa non nos será posible construír a muralla.

[5]Os nosos adversarios comentaban: –Non sospeitarán nin verán nada ata o momento en que nós cheguemos onda eles. Entón matarémolos e faremos parar a obra.

[6]Os xudeus que habitaban ao lado deles viñan e avisábannos: –Veñen por todos os lados sobre nós.

[7]Entón eu organicei o pobo por familias, coas súas espadas, lanzas e arcos, arredor e ao pé da muralla. [8]Examinado todo, levanteime e díxenlles aos notables, ás autoridades e ao resto do pobo: –Non lles teñades medo. Lembrádevos do Señor, grande e temible, e loitade polos vosos irmáns, fillos e fillas, polas vosas mulleres e casas.

[9]Cando se decataron os nosos inimigos de que estabamos alerta, caeron na conta de que Deus lles desbaratara os seus plans, e puidemos volver á muralla, cadaquén á súa tarefa. [10]Desde aquel día, con todo, só a metade dos meus homes traballaba, mentres a outra metade tiña na man as lanzas, os escudos, os arcos e as coirazas. Os xefes mantíñanse en pé detrás de toda a casa de Xudá. [11]Os que construían a muralla e cantos cargaban e levaban os vultos, traballaban cunha man, mentres a outra sostiña unha arma. [12]Todo construtor tiña unha espada amarrada á cintura. O corneta estaba ao meu lado. [13]Eu díxenlles aos notables, maxistrados e ao resto do pobo: –A obra é considerable e ampla e nós estamos espallados ao longo da muralla, lonxe uns dos outros. [14]Polo tanto, se oídes o soar da trompeta onde queira que esteades, vide axiña xuntarvos connosco. O Señor loitará por nós. [15]Fagamos a obra –tendo a metade dos nosos as lanzas na man–, desde o raiar da alba ata que xa se vexan as estrelas.

[16]Tamén foi por este tempo cando lle dixen ao pobo: –Cada un co seu servidor pasará a noite en Xerusalén; na noite haberá un garda, e no día todos á obra.

[17]Ninguén, nin eu nin os meus irmáns, nin os meus servidores, nin os homes da garda que me seguían, ninguén de nós, quitaba os vestidos. Todos tiñan a súa arma na man dereita.

## INXUSTIZAS SOCIAIS

### Intervención de Nehemías

**5** [1]Entón, a xente do pobo, sobre todo as mulleres, levantou un gran clamor contra os seus irmáns xudeus. [2]Algúns dicían: –Os nosos fillos e fillas, e nós mesmos, somos moi numerosos e non temos pan para comer e vivir.

[3]Outros dicían: –Temos que peñorar os nosos campos, viñas e casas, para que nos dean trigo no tempo da fame.

[4]Outros dicían: –Para o tributo do rei, empeñamos a prata que esperamos sacar dos campos e viñas. [5]Con todo, a nosa carne é semellante á carne dos nosos irmáns, e os nosos fillos son tamén semellantes aos seus. Mais o caso é que temos que entregar os nosos fillos e fillas á escravitude, e algunhas das nosas fillas foron deshonradas sen que nós poidamos facer cousa para impedilo. Os nosos campos e viñas están nas mans doutros.

[6]Ao oír os seus clamores e palabras, a cólera apoderouse de min con violencia. [7]Sentín na miña alma a obriga de lles rifar aos nobres e maxistrados, e díxenlles: –Estades cargando unha débeda enorme os uns sobre os outros.

Convoqueinos despois a unha gran asemblea. [8]Díxenlles: –Nosoutros rescatamos os nosos irmáns xudeus vendidos ás nacións, na medida das nosas posibilidades. Vosoutros, polo contrario, vendedes os vosos irmáns para seren máis tarde revendidos a nós.

Eles mantíñanse en silencio, nada tiñan que responder. [9]Eu engadín: –O que facedes non está ben; non é segundo o temor de Deus como debedes camiñar para evitar a vergonza das nacións, as nosas inimigas? [10]Tanto eu, coma os meus irmáns e servidores emprestámoslles diñeiro e trigo. E imos condonar esa débeda. [11]Devolvédelles hoxe mesmo os seus campos, viñas, oliveiras e casas, e perdoádelles o diñeiro, trigo e aceite que lles emprestastes.

[12]Eles responderon: –Perdoarémoslles todo e nada lles reclamaremos. Faremos como ti dis.

**4**, 10ss Ninguén estaba sen a súa espada. Os mesmos que traballaban, tíñana colgada do cinto.

**5**, 1ss O pobo queixábase das inxustizas sociais, e Nehemías pon o remedio na man dos sacerdotes, e fainos xurar que cumprirán canto el vai dispor.

Chamei aos sacerdotes e fixen xurar á
xente que farían como se lles dixera. [13]Sacudín tamén as dobras do meu manto, dicindo:
–Desta mesma maneira sacudirá Deus da súa
casa, lonxe dos seus bens, a todo aquel que
non cumpra a súa palabra. Así será el sacudido e abandonado sen nada.

Toda a asemblea respondeu: –Amén.

E loaba ao Señor. E o pobo respectou canto se dixo.

[14]Despois do día mesmo en que se me deu a orde de ser o seu gobernador no país de Xudá, desde o vixésimo ano ata o trixésimo do rei Artaxerxes, durante doce anos, así eu coma os meus irmáns non comemos endexamais o pan que lle pertence ao que goberna. [15]Antes de min, os primeiros gobernadores oprimían o pobo, esixíndolle pan e viño, e corenta siclos de prata. Tamén os seus servidores impoñían o seu dominio sobre o pobo, cousa que eu xamais non quixen facer polo temor de Deus. [16]Axudei incluso na obra desta muralla, e non compramos campos, e todos os meus servidores viñan tamén xuntarse aquí para o traballo. [17]Os xudeus e os maxistrados que comían comigo eran cento cincuenta homes, ademais dos que viñan onda nós das nacións veciñas. [18]O que se preparaba para cada día –un touro, seis carneiros escollidos e aves– corría da miña conta. Cada dez días traía viño a fartar. Aínda así, non reclamei o pan que lle corresponde ao gobernador, pois a servidume pesaba duramente sobre este pobo.

[19]Meu Deus, acórdate para o meu ben de todo canto fixen por este pobo.

### Remate da muralla

**6** [1]Cando Sambalat, Tobías, o árabe Guéxem e o resto dos nosos inimigos souberon que tiñamos rematada a construción da muralla e que xa non quedaba nela ningunha fenda –só as follas das portas estaban sen colocar–, [2]Sambalat e Guéxem mandaron dicirme: –Ven. Imos ter unha entrevista contigo en Kefirim, no val de Onó.

Mais tiñan pensado facerme mal. [3]Eu mandeilles mensaxeiros para dicirlles: –O que eu fixen é unha obra considerable, e non me é posible baixar. Por que se vai ter que deter a obra para baixar onda vós?

[4]Eles mandáronme catro veces o mesmo recado, e eu deilles a mesma resposta. [5]Por quinta vez chegoume a mesma mensaxe, por medio do servidor de Sambalat, que traía na man unha carta aberta. [6]Nela estaba escrito: "Óese rumorear entre as xentes, e así o afirma Guéxem, que ti e mais os xudeus tedes o pensamento de vos sublevar e que con tal motivo levantas ti a muralla para converterte no seu rei. [7]Nomeaches tamén co mesmo fin profetas en Xerusalén para que proclamen: "Hai un rei en Xudá". É ben seguro que o vai saber o emperador. Ven, pois, e decidiremos xuntos o que convén facer".

[8]Respondinlles: –Non hai cousa que estea de acordo con canto ti dis. Iso inventáchelo ti mesmo.

[9]Todos eles, de certo, querían nos meter medo, pensando: Van parar a obra, que non rematará endexamais.

Eu con iso aínda collín máis ánimos. [10]Fun á casa de Xemaías, fillo de Delaías, fillo de Mehetabel, pois estaba impedido. Díxome:
–Xuntémonos na casa de Deus, no medio do templo, e pechemos as súas portas, porque van vir matarte.

[11]Eu respondín: –Un home coma min emprenderá a fuga? E que home hai que poida entrar no templo e vivir? Non entrarei, non.

[12]Deime de conta, en efecto, que non fora Deus quen o mandara. Fíxome esa profecía subornado por Tobías e Sambalat, [13]para que, cheo de pavor, obrase desa forma, cometendo un gran pecado. Terían entón eles motivo para me denigraren, téndome por un blasfemo. [14]Lémbrate, oh Deus, de canto Tobías e Sambalat fixeron, e tamén da profetisa Noadías e dos outros profetas que me querían poñer medo.

[15]A muralla rematouse o vinte e cinco do mes de *Elul*, en cincuenta e dous días. [16]Can-

**5**, 14ss Nehemías explica como nin el nin os seus comían, aínda que lles correspondese, do pan do gobernador, nin eran unha carga pesada para os pobres cos seus impostos. Pensaban máis en traballar nas murallas que en comprar para eles propiedades. Non querían ser coma os gobernadores precedentes. Contentábanse con que Deus se acordase deles.

**6**, 2 *Kefirim*: localidade do val de Onó, quizais na rexión de Lida, ao NO de Xerusalén, non lonxe do Mediterráneo.

**6**, 3 É unha desculpa, pois ben sabía que obraban con mala fe.

**6**, 7 Polo que aquí se di, vese que os profetas aínda tiñan algunha parte na entronización dos reis.

**6**, 10 Este impedimento podía depender dalgunha impureza ritual, que non lle permitía entrar no templo ese día (cf Xer **36**, 5), ou calquera outra cousa.

**6**, 11 Nehemías era un leigo, e non podía entrar no santuario sen cometer un grave pecado, que merecía a pena de morte.

**6**, 14 *Noadías*, unha das poucas profetisas do A. T.

**6**, 15 Alá por setembro, pois *Elul* cae en agosto-setembro.

do o souberon os nosos inimigos, todas as nacións veciñas foron presa de gran temor e víronse humilladas aos seus propios ollos. Recoñeceron que esta obra fora feita por vontade divina. 17Foi tamén por ese tempo cando os notables de Xudá mandaran moitas cartas a Tobías e recibían del outras tantas. 18Pois moitos xudeus xuramentáranse con el por ser o xenro de Xecanías, fillo de Arah, e porque o seu fillo Iehohanán casara coa filla de Mexulam, fillo de Berequías. 19Facían, incluso, o seu eloxio na miña presenza, e levábanlle as miñas palabras. Tobías enviara cartas para poñerme medo.

**7** 1Rematada a muralla, puxen as portas e fóronlles asignados os cargos aos porteiros, cantores e levitas. 2Puxen tamén á fronte de Xerusalén a meu irmán Hananí, e a Hananías de xefe da fortaleza, pois era un home honrado que temía ao Señor máis ca outros moitos. 3Díxenlles: –As portas de Xerusalén non se abrirán antes de que quente o sol e, mentres os porteiros non estean no seu posto seguirán pechadas firmemente. Organizarase unha quenda de garda cos habitantes de Xerusalén, uns desde os seus postos e outros diante das súas casas.

4A cidade era grande e moi extensa polos dous lados, mentres que os habitantes eran poucos e non se reconstruían casas. 5O meu Deus inspiroume entón reunir os notables, as autoridades e o pobo para facer o rexistro. Atopei o libro do censo dos primeiros que subiran, no que estaba escrito:

6"Habitantes da provincia que regresaron do desterro, onde os levou cativos Nabucodonosor, rei de Babilonia, e volveron a Xerusalén e a Xudá, cada un á súa vila. 7Viñeron con Zerubabel, Xosué, Nehemías, Azarías, Raamías, Nahamani, Mardoqueo, Bilxán, Mispéret, Bigvai, Nehúm, Banah.

Número de homes do pobo de Israel: 8os fillos de Parox: dous mil cento setenta e dous; 9 fillos de Xafatías: trescentos setenta e dous; 10os fillos de Arah: seiscentos cincuenta e dous; 11os fillos de Pahat-Moab, isto é os fillos de Iexúa e Ioab: dous mil oitocentos dezaoito; 12os fillos de Elam: mil douscentos cincuenta e catro; 13os fillos de Zatú: oitocentos corenta e cinco; 14os fillos de Zaqueo: setecentos sesenta; 15os fillos de Binuí: seiscentos corenta e oito; 16os fillos de Bebai: seiscentos vinte e oito; 17os fillos de Azgad: dous mil trescentos vinte e dous; 18os fillos de Adonicam: seiscentos sesenta e sete; 19os fillos de Bigvai: dous mil sesenta e sete; 20os fillos de Adín: seiscentos cincuenta e cinco; 21os fillos de Ater, é dicir, de Ezequías: noventa e oito; 22os fillos de Haxum: trescentos vinte e oito; 23os fillos de Besai: trescentos vinte e catro; 24os fillos de Harif: cento doce; 25os fillos de Gabaón: noventa e cinco; 26os homes de Belén e Netofah: cento oitenta e oito; 27os homes de Anatot: cento vinte e oito; 28os homes de Bet-Azmávet: corenta e dous; 29os homes de Quiriat-Iearim, Kefirah e Beerot: setecentos corenta e tres; 30os homes de Ramah e Gueba: seiscentos vinte e un; 31os homes de Micmás: cento vinte e dous; 32os homes de Bet-el e Ai: cento vinte e tres; 33os homes do outro Nebó: cincuenta e dous; 34os fillos dun segundo Elam: mil douscentos cincuenta e catro; 35os fillos de Harim: trescentos vinte; 36os fillos de Iericó: trescentos corenta e cinco; 37os fillos de Lod, Hadid e Onó: setecentos vinte e un; 38os fillos de Senaah: tres mil novecentos trinta.

39Os sacerdotes: os fillos de Iedaías, é dicir, a casa de Xosué: novecentos setenta e tres; 40os fillos de Imer: mil cincuenta e dous; 41os fillos de Paxhur: mil douscentos corenta e sete; 42os fillos de Harim: mil dezasete.

43Os levitas: os fillos de Iexúa, é dicir, Cadmiel, os fillos de Hodvá: setenta e catro.

44Os cantores: os fillos de Asaf: cento corenta e oito.

45Os porteiros: os fillos de Xalum, os fillos de Ater, os fillos de Talmón, os fillos de Acub, os fillos de Hatita, os fillos de Xobai: cento trinta e oito.

46Os servidores: os fillos de Sihá, os fillos de Hasufá, os fillos de Tabaot, 47os fillos de Querós, os fillos de Siá, os fillos de Padón, 48os fillos de Lebanah, os fillos de Hagabah, os fillos de Xalmai, 49os fillos de Hanán, os fillos de Guidel, os fillos de Gahar, 50os fillos de Reaías, os fillos de Reín, os fillos de Necodá, 51os fillos de Gazam, os fillos de Uzá, os fillos de Paséah, 52os fillos de Besai, os fillos de Meunim, os fillos de Nefixim, 53os fillos de Bacbuc, os fillos de Hacufá, os fillos de Harhur, 54os fillos de Baslit, os fillos de Mehidá, os fillos de Harxá, 55os fillos de Bar-

**7**, 3 *As portas* tiñan que pechalas antes do anoitecer.
**7**, 4 Alúdese aquí ás ruínas. Aínda non se estableceran todas as familias nas súas propias casas, de aí a necesidade do censo que vai seguir.
**7**, 6 Os vv. 6-72 repiten, con pequenas variantes, a lista que xa vimos en Esd **2**.

cós, os fillos de Siserá, os fillos de Tamah,
56os fillos de Necías, os fillos de Hatifá.
57Os fillos dos servidores de Salomón: os
fillos de Sotai, os fillos de Soféret, os fillos de
Peridá, 58os fillos de Ialá, os fillos de Darcón,
os fillos de Guidel, 59os fillos de Xefatías,
os fillos de Hatil, os fillos de Poquéret-Ha-
Sebaim, os fillos de Amón. 60Todos os servi-
dores de Salomón: trescentos noventa e dous.
61E velaquí os que subiron de Tel-Mélah,
Tel-Hará, Kerub-Adón e Imer e que puide-
ron demostrar se a súa casa paterna e a súa
raza viñan certamente de Israel: 62os fillos de
Delaías, os fillos de Tobías, os fillos de Ne-
codá: seiscentos corenta e dous; 63e algúns de
entre os sacerdotes: os fillos de Hobaia, os
fillos de Hacós, os fillos de Barzilai –o que
casara cunha das fillas de Barzilai o galaadita
e herdara o seu nome–. 64Estas xentes bus-
caron o seu rexistro nas xenealoxías e non o
atoparon; entón foron declarados ilexítimos,
excluídos do sacerdocio. 65E o gobernador
díxolles que non comesen dos alimentos sa-
grados, ata que chegase algún dos sacerdotes
experto na consulta dos *urim* e *tummim*.
66Toda a asemblea sumaba corenta e dúas
mil trescentas sesenta persoas, 67sen contar os
servidores e servidoras que eran sete mil tres-
centos trinta e sete. Había tamén douscentos
corenta e cinco cantores e cantoras, 68catro-
centos trinta e cinco camelos e seis mil sete-
centos vinte asnos. 69Unha parte dos cabezas
de familia fixeron donativos para as obras. O
gobernador deu ao tesouro mil dracmas de
ouro, cincuenta copas, cincocentas trinta tú-
nicas sacerdotais. 70Algúns dos xefes de familia
deron ao tesouro da obra vinte mil dracmas
de ouro e dúas mil duascentas minas de prata,
cincuenta copas e trinta e cinco túnicas sacer-
dotais. 71E algúns dos cabezas de familia de-
ron para o tesouro da obra vinte mil dracmas
de ouro e dúas mil duascentas minas de prata.
72Entón os sacerdotes, os levitas, porteiros,
cantores, servidores e todos os israelitas es-
tablecéronse nas súas localidades. Chegado
o sétimo mes, os fillos de Israel habitaban xa
nas súas vilas.

### Lectura pública da Lei

**8** 1Todo o pobo, coma un só home, xuntouse
na praza que está diante da porta das
Augas, e dixéronlle a Esdras, o escriba, que
trouxese o libro da Lei de Moisés que o Se-
ñor tiña prescrito a Israel. 2O sacerdote Es-
dras trouxo a Lei diante da asemblea, onde se
atopaban os homes, mulleres e todos cantos
eran capaces de comprender o que oían. Era
o primeiro día do sétimo mes. 3El leu no li-
bro, desde o amencer ata o mediodía, aos ho-
mes, mulleres e a cantos tiñan uso de razón.
Os oídos de todo o pobo estaban atentos ao
libro da Lei. 4O escriba Esdras estaba en pé
sobre unha tarima de madeira, preparada con
este motivo, e á súa dereita estaban Matatías,
Xema, Ananías, Urías, Hilquías e Maseías;
á súa esquerda, Pedaías, Mixael, Malaquías,
Haxum, Haxbadanah, Zacarías, Mexulam.
5Esdras abriu o libro á vista de todo o pobo,
pois colocárase por cima da comunidade, e
cando o abriu, o pobo púxose en pé. 6Entón
Esdras bendiciu ao Señor, o gran Deus, e todo
o pobo respondeu: "Amén, amén", levantan-
do as mans. Despois inclináronse e proster-
náronse diante do Señor, rostro en terra. 7Os
levitas Iexúa, Baní, Xerebías, Iamín, Aqub,
Xabtai, Hodiías, Maseías, Quelitá, Azarías,
Iozabad, Hanán, Pelaías, explicaban a Lei ao
pobo, e este mantíñase en pé na praza. 8Lían
no libro da Lei de Deus, traducíndoo e facen-
do comprender o que lían.
9Entón o gobernador Nehemías, o sacer-
dote-escriba Esdras e os levitas que explica-
ban a Lei ao pobo, dixeron a toda a asemblea:
–Este día está consagrado ao Señor, o voso
Deus. Polo tanto, cesade no voso pranto e
non choredes máis (pois todo o pobo choraba
ao oír as palabras da Lei).
10El díxolles tamén: –Idevos, comede ben
e bebede excelentes viños, e levádelles ta-
mén aos que non teñen nada preparado, pois
este día está consagrado ao noso Señor. Non
sigades tristes, porque o gozo do Señor é a
vosa forza.
11E os levitas tranquilizaban o pobo en-
teiro, dicindo: –Calade, porque este día está
consagrado. Non sigades chorando.
12Entón retirouse todo o pobo a comer e
beber, repartindo cos que non tiñan e mani-
festando unha gran ledicia, pois comprende-
ran as palabras do Señor que lles acababan
de ensinar. 13O segundo día, os xefes de fa-
milia de todo o pobo, os sacerdotes e os le-
vitas reuníronse en torno ao escriba Esdras
para discernir ben o sentido das palabras da

**8**, 1 *Esdras*, escriba e sacerdote, aparece aquí por primeira vez no libro de Nehemías. É moi probable que os cc. **8** e **9** de Neh, nos que apenas se fala de Nehemías, formasen parte da Memoria de Esdras (cf Introd. 3). Polo que *ao libro da Lei de Moisés* se refire, é moi probable que se trate do Pentateuco, que xa constituía a Torah no tempo de Esd-Neh.

**8**, 5-8 Por estes vv. vese a diferenza entre o culto no templo (de tipo sacrificial) e o servizo nas sinagogas (máis ben de celebración da palabra de Deus).

Lei. 14Atoparon escrito na Lei que o Señor
lles dera por medio de Moisés, que os fillos
de Israel debían habitar en cabanas durante
as festas do sétimo mes 15e facérllelo saber e
publicar o anuncio en todas as súas cidades
e en Xerusalén nestes termos: "Saíde para a
montaña e levade ramallos de oliveira, piñei-
ros e mirto; ramallada de palmeiras e dou-
tras árbores frondosas para facer as cabanas,
como está escrito".
16Entón o pobo saíu e levou con que mon-
tar as cabanas, uns na azotea, outros nos
patios, ou no adro do templo, na praza da
porta das Augas e da porta de Efraím. 17Toda
a asemblea –os que viñeran da catividade–
ergueu cabanas e habitounas, cousa que xa
non facían os israelitas desde os tempos de
Xosué, fillo de Nun, ata este día. Foi motivo
de gran ledicia. 18Todos os días, desde o pri-
meiro ao derradeiro, leu Esdras o libro da Lei
de Deus. As festas duraron sete días, e no oi-
tavo houbo, segundo costume, unha solemne
asemblea de clausura.

### Confesión dos pecados

**9** 1O vinte e catro do mesmo mes, os israe-
litas, vestidos de saco e cinsa, reuníronse
para un xaxún. 2Todos cantos eran da liñaxe
de Israel afastáronse dos estranxeiros, puxé-
ronse en pé e confesaron os seus pecados
e as faltas de seus pais. 3Volveron aos seus
postos e leuse no libro da Lei do Señor, o seu
Deus, durante unha cuarta parte da xornada.
Durante outra cuarta parte fixeron a súa con-
fesión e prostráronse diante do Señor, o seu
Deus. 4Subiron ao estrado dos levitas Iexúa,
Baní, Cadmiel, Xebanías, Buní e Quenaní e
invocaron ao Señor, o seu Deus, en alta voz.
5E os levitas Iexúa, Cadmiel, Baní, Haxab-
nías, Xerebías, Hodías, Xebanías y Petahías
dixeron:
–Levantádevos. Bendicide o Señor, voso
Deus:
Desde sempre e para sempre,
sexa bendito o teu nome glorioso,
que supera toda bendición e loanza.
6Ti es, Señor, o único Deus,
que fixeches os ceos,
os ceos dos ceos e todo o seu exército,
a terra e canto nela se atopa,
os mares e todo canto conteñen.
Fuches ti quen lles deu vida a todos,
e o exército dos ceos prostérnase ante ti.
7Es ti, o Señor Deus,
o que escolliches a Abram,
fixéchelo saír de Ur dos Caldeos
e déchesIle por nome Abraham.
8Atopaches nel un corazón fiel,
e estableciches con el unha alianza
para darlle o país dos cananeos,
hititas, amorreos, pericitas,
iebuseos e guirgaxitas,
a el e á súa descendencia.
Cumpriches a palabra, porque es xusto.
9Viches a humillación
dos nosos pais en Exipto
e escoitaches os seus gritos
onda o mar dos Xuncos.
10Realizaches signos e prodixios
contra o Faraón e os seus servidores
e contra todo o pobo do seu país,
pois sabías que co seu orgullo
nos maltrataran,
e conquistaches un nome
que aínda hoxe perdura.
11Dividiches o mar perante eles
e puideron pasar a pé enxoito
polo medio do mar;
aos que os perseguían
precipitáchelos no fondo,
coma unha pedra nas augas axitadas.
12Guiáchelos de día
cunha columna de nube
e de noite cunha columna de fogo,
para alumarlles o camiño
que habían seguir.
13Baixaches ao monte Sinaí,
e faláchesIles desde o alto dos ceos;
déchesIles os teus mandamentos,
que son leis xustas, normas verdadeiras,
estatutos e preceptos excelentes.
14DéchesIles a coñecer o teu santo sábado,
déchesIles ordes, mandatos e unha Lei,
por medio do teu servo, Moisés.
15Para matar a súa fame,
déchesIles pan do ceo
e fixeches deitar auga do penedo
para a súa sede.
Mandáchelos vir tomar posesión do país
que lles tiñas xurado dar, coa man en alto.

**8**, 17s Esta gran festa, que empezaba o 15 de *Tixrí* e dura-
ba 7 días, foi a primeira despois da volta dos deportados,
de aí o xúbilo. Xosué pode ser aquí, máis que o sucesor
de Moisés, o sacerdote citado en Esd **3**, 2.
**9**, 5-37 Esta longa pregaria, que abrangue todo o c. **9**, é
unha síntese da historia de Israel desde as orixes. Evo-
ca primeiro a creación do mundo (Xén **1**), e continúa
coas diversas etapas da historia da salvación: Abraham,
saída de Exipto, don da Lei no Sinaí, maná, a auga da
rocha, paspallás, conquista de Canaán, Xuíces, ruína de
Samaria no tempo dos asirios, desterro dos habitantes de
Xudá... Remata bruscamente, sen aludir ao novo esta-
do de restauración. Algúns coidan que se perdeu a parte
final.

16 Mais eles, nosos pais,
mostráronse orgullosos,
puxéronse testudos
e non escoitaron os teus mandamentos.
17 Non quixeron oír nin recordar
os prodixios que fixeras polo seu ben.
Empeñáronse teimosamente
en volveren á escravitude de Exipto.
Mais ti, Deus do perdón,
clemente e compasivo,
cheo de paciencia e misericordioso,
non os abandonaches,
18 nin sequera cando fixeron
un becerro fundido e clamaron:
"Este é o teu deus,
o que te sacou de Exipto",
cometendo un pecado horrendo.
19 Pero ti, na túa grande misericordia,
non os abandonaches no deserto:
a columna de nube
que os guiaba polo seu camiño de día
non se apartou deles,
nin a columna de lume
que os guiaba de noite.
20 Décheslles o teu bo espírito
para que soubesen discernir,
e non lles quitaches o maná da súa boca
e déchesIles auga para a súa sede.
21 Durante corenta anos,
aseguráchesIles a subsistencia no deserto;
non lles faltou cousa
e os seus vestidos non se gastaron
nin se lles incharon os pés.
22 Puxeches nas súas mans reinos e pobos,
repartíndolles cadansúa rexión,
e tomaron posesión do país de Sihón,
o do rei de Hexbón,
e do país de Og, rei de Baxán.
23 Multiplicaches os seus fillos
coma as estrelas do ceo
e fixéchelos entrar no país
que lles prometeras a seus pais
tomar en posesión.
24 Entraron os fillos
e tomaron posesión do país.
Sometiches diante deles
aos habitantes do país, os cananeos,
e puxéchesllelos nas súas mans,
xunto cos seus reis,
para que fixesen con eles o que quixeren.
25 Apoderáronse de cidades fortificadas
e de terras fértiles;
ocuparon casas
cheas de toda sorte de bens,
pozos cavados, viñas e oliveiras
e árbores con froita en gran abundancia.
Comeron, fartáronse, engordaron
e gozaron da vida,
grazas á túa gran bondade.
26 Pero eles rebeláronse contra ti,
rexeitaron a túa Lei,
mataron os teus profetas,
que os amoestaban a retornar a ti,
e fixéronse culpables de grandes ofensas.
27 Ti, entón, entregáchelos
nas mans do seus inimigos,
que os combateron.
Na súa angustia, clamaron a ti
e escoitáchelos desde o ceo;
e pola túa gran misericordia
dábaslles liberadores que os salvaban
da man dos seus adversarios.
28 Mais cando recobraban a seguridade,
volvían facer o mal diante de ti
e ti volvías abandonalos
nas mans dos seus inimigos,
que os oprimían.
Chamaban de novo por ti,
e ti, desde o alto dos ceos, escoitabas
e librábalos na túa grande misericordia.
29 Ti amoestábalos
para que retornasen á túa Lei,
mais eles, altivos,
non facían caso das túas ordes.
Pecaron contra os teus mandamentos,
que o home debe cumprir para ter a vida.
Déronche as costas, cheos de rebeldía,
teimaron e non quixeron escoitar.
30 Ti soportáchelos durante moitos anos,
o teu espírito amoestounos
por medio dos profetas,
mais eles non fixeron caso.
Foi entón cando os entregaches
nas mans dos pobos pagáns.
31 Pero na túa grande compaixón
non os aniquilaches nin abandonaches,
pois ti es un Deus
clemente e misericordioso.
32 E agora, Deus noso,
Deus grande, poderoso e terrible,
que gardas a alianza e a fidelidade,
non teñas en pouco as aflicións
que nos alcanzaron a nós,
aos nosos reis, aos nosos príncipes,
aos nosos sacerdotes e a todo o pobo,
desde o tempo dos reis de Asiria ata hoxe.
33 Ti es xusto en todo canto nos ocorreu,
pois obraches con verdade,
mais nós obramos perversamente.
34 Certamente, nin os nosos reis,
nin os príncipes, nin os sacerdotes,
nin nosos pais, cumpriron a túa Lei,
nin prestaron atención aos preceptos
e avisos que lles inculcabas.

35Eles, no seu reino
e na gran prosperidade que lles deras,
nun país extenso e fértil
que puxeras diante deles,
non te serviron e non se converteron
das súas malas accións.
36Hoxe, velaquí como nós somos escravos
nunha terra que ti lles deras a nosos pais
para que comesen
dos seus froitos excelentes.
37Os seus abundantes produtos
son para os reis que ti puxeches sobre nós,
por culpa dos nosos pecados.
Dominan sobre os nosos corpos
e sobre os nosos animais,
segundo a súa vontade,
e nós vémonos nunha gran miseria.

**Pacto do pobo**

**10** 1En consecuencia, nós facemos un pacto firme e poñémolo por escrito. Sobre este texto selado figuran os nosos xefes, levitas e sacerdotes.
2Asinaron co seu selo: Nehemías o gobernador, fillo de Hakalías e Sedecías; 3Seraías, Azarías, Irmeías, 4Paxhur, Amarías, Malaquías, 5Hatux, Xebanías, Maluk, 6Harim, Meremot, Obadías, 7Daniel, Guinetón, Baruc, 8Mexulam, Abías, Miiamín, 9Maazías, Bilgai, Xemaías: estes son os sacerdotes.
10E os levitas: Iexúa, fillo de Azanía, Binuí de entre os fillos de Henadad, Cadmiel, 11e os seus irmáns: Xebanías, Hodiías, Quelitá, Pelaías, Hanán, 12Milá, Rehab, Haxabías, 13Zacur, Xerebías, Xebanías, 14Hodiías, Baní, Beninú.
15Os xefes do pobo: Parox, Pahat-Moab, Elam, Zatú, Baní, 16Buní, Azgad, Bebai, 17Adonías, Bigvai, Adín, 18Ater, Ezequías, Azur, 19Hodiías, Haxum, Besai, 20Harif, Anatot, Nebai, 21Magpías, Mexulam, Hezir, 22Mexezabel, Sadoc, Yadúa, 23Pelatías, Hanán, Anaías, 24Hoxea, Hananías, Haxub, 25Olohex, Pilhá, Xobeq, 26Rehúm, Haxabnah, Maseías, 27Ahías, Hanán, 28Maluc, Harim, Banah.
29O resto do pobo, os sacerdotes, levitas, porteiros, cantores, servidores e todos os que se separaran dos pobos dos outros países para serviren á Lei de Deus, as súas mulleres e fillos, todos cantos tiñan uso de razón, 30uníronse aos seus irmáns, os nobres, e xuraron solemnemente camiñar de acordo coa Lei de Deus dada pola mediación de Moisés, servo de Deus, e levar á práctica todos os preceptos, decretos e mandados do Señor. 31Por conseguinte, non daremos as nosas fillas ás xentes do país, nin tomaremos as súas fillas para os nosos fillos; 32se as xentes do país veñen con mercadorías ou calquera xénero de víveres no día de sábado, non lles mercaremos cousa mentres dure o sábado e durante os días de festa, e no sétimo ano deixaremos descansar os nosos campos e pagaremos toda clase de débedas. 33Prometemos ademais dar un terzo de siclo ao ano para o culto do templo do noso Deus, 34para o pan da presentación, para a ofrenda perpetua, para o holocausto perpetuo, os sábados, comezos de mes, festas, para as cousas consagradas, para os sacrificios de expiación dos pecados de Israel e para toda obra da casa do noso Deus.
35Nós –os sacerdotes, os levitas e o pobo– botamos as sortes para fixar as quendas da ofrenda de leña que hai que levar á casa do noso Deus segundo as nosas familias, nos tempos fixados, ano tras ano, para acender o lume do altar do Señor o noso Deus, segundo está escrito na Lei. 36Da mesma maneira, deben levarse as primicias dos nosos eidos, as de todos os froitos de toda árbore, cada ano, para a casa do Señor, 37e os primoxénitos dos nosos fillos e do gando, como está escrito na Lei; así coma os primoxénitos das nosas reses grandes e pequenas, que se deben levar á casa do noso Deus e aos sacerdotes en servizo na casa do noso Deus. 38A mellor parte da nosa fariña, das nosas ofrendas, de toda clase de froitos, do viño e do aceite, débense levar aos sacerdotes, para os almacéns da casa do noso Deus, así como tamén o décimo do froito das nosas terras aos levitas. 39Un sacerdote, fillo de Aharón, irá canda os levitas, cando estes reciban o décimo, e tamén eles, pola súa banda, apartarán a décima parte do décimo para a casa do noso Deus e levarana aos almacéns da casa do tesouro. 40Pois tanto os israelitas coma os levitas levan as ofrendas de trigo, de viño novo e de aceite aos almacéns, onde están tamén os utensilios do templo, dos sacerdotes que prestan servizo, dos porteiros e dos cantores. Deste xeito, non abandonaremos a casa do noso Deus.

**10**, 2ss Esta lista de sacerdotes atopámola tamén, case igual, en **12**, 1ss.

**10**, 35 No Pentateuco non se fala desa obriga de levar leña para o altar do Señor. Pouco a pouco irase considerando competencia da nobreza leiga.

**Distribución dos habitantes de Xerusalén**

**11** [1]Os xefes vivían en Xerusalén. O resto do pobo botou as sortes para facer vir un home de cada dez para que habitase en Xerusalén, a cidade santa, e os nove restantes nas vilas. [2]O pobo deu o seu parabén a todos cantos foron de grado para vivir en Xerusalén. [3]Relación dos xefes da provincia que fixaron a súa residencia en Xerusalén e nos pobos de Xudá. Cada un residiu na súa propiedade, na súa propia vila: os israelitas, os sacerdotes, os levitas, os servidores e os fillos dos servidores de Salomón. [4]En Xerusalén, habitaban algúns dos fillos de Xudá e de Benxamín.

Entre os fillos de Xudá: Ataías, fillo de Ozías, fillo de Zacarías, fillo de Amarías, fillo de Xefatías, fillo de Mahalalel, de entre os fillos de Peres. [5]E Maseías, fillo de Baruc, fillo de Col-Hozeh, fillo de Hazaías, fillo de Adaías, fillo de Ioiarib, fillo de Zacarías, fillo do xelonita. [6]Todos os fillos de Peres vivían en Xerusalén en número de catrocentos sesenta e oito homes de armas.

[7]Velaquí os benxaminitas: Salú, fillo de Mexulam, fillo de Ioed, fillo de Pedaías, fillo de Colaías, fillo de Maseías, fillo de Itiel, fillo de Isaías. [8]E despois: Gabbai, Salai: novecentos vinte e oito. [9]E Ioel, fillo de Zicrí, era o xefe, mentres que Iehudah, fillo do Senuah, era o segundo na vila.

[10]Entre os sacerdotes: Iedaías, fillo de Ioiarib, Iaquín, [11]Seraías, fillo de Hilquías, fillo de Mexulam, fillo de Sadoc, fillo de Meraiot, fillo de Ahitub, príncipe da casa de Deus, [12]como tamén todos os seus irmáns que traballaban na casa de Deus: oitocentos vinte e dous; Adaías, fillo de Ieroham, fillo de Pelalías, fillo de Amsí, fillo de Zacarías, fillo de Pashuz, fillo de Malquías[13]e os seus irmáns, xefes de familia: douscentos corenta e dous; Amasai, fillo de Azarel, fillo de Ahzai, fillo de Mexilemot, fillo de Imer, [14]e os seus irmáns, homes valentes: cento vinte e oito. O seu xefe era Zabdiel, fillo dos guedolitas.

[15]Entre os levitas: Xemaías, fillo de Haxub, fillo de Azricam, fillo de Haxabías, fillo de Buní, [16]e Xabtai e Iozabad; entre os xefes dos levitas que tiñan ao seu cargo as obras exteriores do templo de Deus; [17]Matanías, fillo de Mikah, fillo de Zabdí, fillo de Asaf, o primeiro que dirixiu o canto e os rezos; Bacbuquías, o segundo de seus irmáns, e Avdá, fillo de Xammúah, fillo de Galal, fillo de Iedutún.

[18]Todos os levitas da cidade santa: douscentos oitenta e catro.

[19]Os porteiros: Acub, Talmón, e seus irmáns, que facían garda nas portas: cento setenta e dous.

[20]O resto de Israel, sacerdotes, levitas, moraban en todas as vilas de Xudá, cadaquén na súa propiedade. [21]Os servos habitaban o Ofel; Sihá e Guixpá eran os xefes dos servos. [22]O xefe dos levitas en Xerusalén era Ozzí, fillo de Baní, fillo de Haxabías, fillo de Matanías, fillo de Micá, dos fillos de Asaf, cantores en activo na casa de Deus. [23]Había, en efecto, unha orde do rei respecto deles e un acordo concernente aos cantores, día a día. [24]Petahías, fillo de Mexezabel, de entre os fillos de Zérah, fillo de Xudá, vivía onda o rei para todo canto concernía ao pobo. [25]Nas aldeas e campos, os fillos de Xudá habitaban en Quiriat-Arbá e arredores, en Dibón e arredores, en Iecabsel e as súas aldeas, [26]en Iexúa, en Moladah, en Bet-Pélet, [27]en Hasar-Xual, en Beerxeba e arredores, [28]en Siclag, en Meconah e arredores, [29]en Ein-Rimón, en Sorah e en Iarmut, [30]en Zanóah, Adulam e as súas aldeas, en Láquix e nos seus campos, en Azecah e arredores. Establecéronse desde Beerxeba ata o val de Hinnom.

[31]Os fillos de Benxamín establecéronse mais aló de Gueba, en Micmás, Aiah, Betel e arredores, [32]en Anatot, Nob, Ananías, [33]Hasor, Ramah, Guitaim, [34]Hadid, Seboín, Nebalat, [35]Lod e Onó, o val dos Obreiros. [36]Entre os levitas, algúns das rexións de Xudá fóronse á de Benxamín.

**Sacerdotes e levitas**

**12** [1]Lista dos sacerdotes e levitas que chegaron con Zerubabel, fillo de Xealtiel, e con Xosué: Seraías, Irmeías, Ezrá, [2]Amarías, Maluc, Hatux, [3]Xecanías Rehúm, Meremot, [4]Idó, Guinetoi, Abiías, [5]Miiamín, Maadías, Bilgah, [6]Xemaías, e Ioiarib, Iedaías, [7]Salú, Amoc, Hilquías, Iedaías. Eran os xefes dos sacerdotes e de seus irmáns, no tempo do Xosué.

[8]Os levitas: Iexúa, Binuí, Cadmiel, Xerebías, Iehudah, Matanías e seus irmáns encargados dos cantos de loanza. [9]Bacbuquías e Uní; seus irmáns axudábanos nos servizos.

[10]Xosué xerou a Ioaquim, Ioaquim xerou a Eliaxib, e Eliaxib a Ioiadá. [11]Ioiadá xe-

**11**, 1ss Houbo que tomar medidas para aumentar os habitantes da "Cidade Santa", nome que se lle dá a Xerusalén a partir dos tempos do II Is (cf Is **48**, 2; **52**, 1...).

**12**, 1ss Estas listas foron tomadas do arquivo do santuario (cf Introd. 3c).

rou a Ionatán, Ionatán xerou a Iaduá. [12]No tempo de Ioiaquim, os sacerdotes xefes de familia eran: da de Seraías, Meraías; da de Xemeías, Hananías; [13]da de Ezrá, Mexulam; da de Amarías, Iehohanán; [14]da familia de Xebanías, Iosef; [15]da de Harim, Adná; da de Meremot, Helcai; [16]da de Idó, Zacarías; da de Guinetón, Mexulam; [17]da de Abías, Zicrí; da de Miniamín...; da de Moadías, Piltai; [18]da de Bilgah, Xamúa; da de Xemaías, Iehonatán; [19]da de Ioiarib, Matenai; da de Iedaías, Ozí; [20]da de Salai, Calai; da de Amoc, Éber; [21]da de Hilquías, Haxabías; da de Iedaías, Netanel.

[22]No tempo de Eliaxib, de Ioiadá, de Iohanán e de Iadúa, os levitas, xefes de familia, o mesmo ca os sacerdotes, foron inscritos ata o reino de Darío o persa. [23]Os fillos de Leví, xefes de familia, foron inscritos no libro dos Anais, ata o tempo de Iohanán, fillo de Eliaxib. [24]Os xefes dos levitas eran: Haxabías, Xerebías e Iexúa, fillo de Cadmiel, e seus irmáns, ás súas ordes, para cantaren, segundo o rito de David, home de Deus, cada un na súa quenda de servizo, os loores e as accións de grazas. [25]Matanías, Bacbuquías, Obadías, Mexulam, Talmón e Acub, eran porteiros, para a garda que se facía a pé das portas. [26]Todos estes viviron nos tempos de Ioaquim, fillo de Xosué, fillo de Iosadac, e no tempo de Nehemías o gobernador, e de Esdras, o sacerdote-escriba.

### Inauguración da muralla

[27]Para inauguraren a muralla de Xerusalén, foron en busca dos levitas por todos os seus lugares de residencia, co fin de facelos vir a Xerusalén a celebrar con xúbilo a inauguración con loores e cantos, con címbalos, liras e arpas. [28]Os fillos dos cantores do val do Xordán e da bisbarra de Xerusalén e das aldeas de Netofat, [29]de Bet-Guilgal e dos campos de Gueba e de Azmávet, xuntáronse, pois os cantores construíran aldeas nos arredores de Xerusalén. [30]Os sacerdotes e levitas purificáronse e purificaron o pobo, as portas e a muralla. [31]Mandei que subisen as autoridades de Xudá á muralla e organicei dous grandes coros. Un camiñaba pola dereita sobre a muralla pola porta do Esterco. [32]Detrás deles ían Hoxaías e a metade dos xefes de Xudá, [33]Azarías, Esdras, Mexulam, [34]Iehudá, Benxamín, Xemaías e Xemeías, [35]de entre os fillos de Ionatán, fillo de Xemaías, fillo de Metanías, fillo de Micaías, fillo de Zacur, fillo de Asaf, [36]e os seus irmáns, Xemaías, Azarel, Milalai, Guilalai, Maai, Netanel, Iehudá, Hananí, cos instrumentos de música de David, home de Deus. Esdras, o escriba, estaba diante deles. [37]Pasaron pola porta da Fonte e, seguindo en liña recta, subiron a escaleira da cidade de David e baixaron pola costa da muralla, onda o palacio de David, ata a porta da Auga, ao levante. [38]O segundo coro marchou cara á esquerda, e tamén eu ía detrás del, xunto coa metade dos xefes do pobo pola muralla, na cima da torre dos Fornos ata a Muralla Longa, [39]e por riba da porta de Efraím, da porta da Iexanah, da porta dos Peixes, da torre de Hananel e da torre dos Cento, ata a porta das Ovellas. Parouse á porta da Garda. [40]As dúas corais pararon deseguida na casa de Deus, como tamén eu, a metade dos maxistrados que estaban comigo, [41]e os sacerdotes: Eliaquim, Maseías, Miniamín, Micaías, Elioenai, Zacarías, Hananías con trompetas, [42]e Maseías, Xemaías, Elazar, Ozí, Iehohanán, Malaquías, Elam e Ezer. Os cantores fixéronse oír, dirixidos por Izrahías.

[43]Ofrecéronse ese día grandes sacrificios e foi moi grande a ledicia, pois Deus comunicáralles un gran gozo. As mulleres e os nenos gozaron tamén, e o xúbilo de Xerusalén notábase desde lonxe.

[44]Nese día nomeáronse intendentes dos almacéns destinados ás provisións, ofrendas, primicias e décimos, onde se gardaban, polos campos e vilas, as porcións que prescribe a Lei para os sacerdotes e os levitas. En efecto, Xudá sentíase orgullosa dos sacerdotes e dos levitas en función, [45]porque levaban á práctica canto concirne ao servizo do seu Deus e ao servizo das purificacións, mentres que os cantores e os porteiros seguían a orde de David e de Salomón, o seu fillo. [46]Pois desde moi antigo, desde o tempo de David e de Asaf, había xefes de cantores e de cantos de loanza e de recoñecemento ao noso Deus. [47]Todo Israel, no tempo de Zerubabel e no tempo de Nehemías, dábanlles o que lles correspondía aos cantores e porteiros día a día, pois as cousas consagradas pertencíanlles aos levitas; e os levitas dábanlles parte aos fillos de Aharón.

**12**, 22 Parece tratarse de Darío III (335-331).
**12**, 31 *Pola dereita*: cara ao sur.
**12**, 38 *Cara á esquerda*: polo norte.

**Reformas feitas por Nehemías**

**13** [1]Nese tempo, ao lermos no libro de
Moisés na presenza do pobo, atopamos escrito que os amonitas e moabitas non entrarían xamais na asemblea de Deus, [2]pois non viñeron á presenza dos fillos de Israel con pan e auga, e Moab contratou a Balaam contra eles, para maldicilos; pero o noso Deus cambiou a maldición nunha bendición. [3]Ao coñeceren esta Lei, separaron de Israel a todo home de sangue mesturada.

[4]Antes disto, o sacerdote Eliaxib, encargado das dependencias do templo e parente de Tobías, [5]acondicionara para o uso deste unha estancia grande, onde se metían noutro tempo as ofrendas, o incenso, os utensilios, o décimo do trigo, do viño novo e do aceite, organizado todo isto polos levitas, os cantores e os porteiros, como tamén o de reservar para os sacerdotes unha parte.

[6]Durante todo ese tempo, eu non me encontraba en Xerusalén, pois no ano trinta e dous de Artaxerxes, rei de Babilonia, fora onda o rei. Pero despois dalgún tempo, co permiso do rei, [7]volvín a Xerusalén; foi entón cando caín na conta do mal que fixera Eliaxib, por culpa de Tobías, preparándolle unha estancia nos adros da casa de Deus. [8]Pareceume moi mal, mandei sacar do cuarto todas as cousas de Tobías, [9]ordenei que o purificasen e volvín gardar alí os utensilios do templo, as ofrendas e o incenso.

[10]Souben tamén que os levitas non recibiran a parte que lles correspondía, e que tanto eles coma os cantores que facían o servizo fuxiran a cadansúa aldea. [11]Reprendín aos maxistrados, e dixen: –Por que quedou abandonada a casa de Deus?

Despois xunteinos e volvinos aos seus postos.

[12]Entón todo Xudá trouxo o décimo do trigo, do viño novo e do aceite para metelos nas reservas. [13]Dei a orde de colocar esas reservas baixo o coidado do sacerdote Xelemías, do escriba Sadoc e de Pedaías, un dos levitas, axudados por Hanán, fillo de Zacur, fillo de Matanías, pois pasaban por homes fieis. Tocáballes a eles facer a repartición entre seus irmáns.

[14]Acórdate de min, meu Deus, por todo isto, e que non se borre diante de ti a miña fidelidade respecto da casa do meu Deus e do seu servizo!

[15]Neses días vin tamén que algúns xudeus esmagaban no lagar en sábado, outros xuntaban monllos e cargábanos nas cabalgaduras; e incluso traían a Xerusalén dese mesmo xeito viño, uvas, figos e toda clase de fardos, no sábado. Reprendinos por facer tal cousa nese día. [16]Tamén os tirios residentes en Xerusalén viñan con peixes e toda clase de mercadorías e vendíanas no sábado aos fillos de Xudá e Xerusalén. [17]Encareime cos nobres de Xudá e díxenlles: –Por que esta mala acción que cometedes, profanando o día de sábado? [18]Non foi así como obraron tamén vosos pais? Foi por iso polo que o noso Deus fixo vir sobre nós e sobre esta cidade todo este mal. E vós, profanades o sábado, agravades a cólera de Deus contra Israel.

[19]Mandei que pechasen as portas de Xerusalén ao anoitecer antes do sábado, coa orde de que non se abrisen ata pasado o sábado. E puxen nas portas algúns dos meus criados para que non entrase carga ningunha no día do sábado. [20]Pero algúns comerciantes e vendedores de toda clase de mercadorías pasaron a noite, unha ou dúas veces, fóra de Xerusalén. [21]Advertinos e díxenlles: –Por que pasades a noite diante da muralla? Se o volvedes facer, préndovos.

A partir deste momento, xa non volveron máis durante o sábado. [22]Despois, ordenei aos levitas que se purificasen para viren gardar as portas, co fin de santificar o día do sábado.

Por todo isto, acórdate de min, meu Deus; ten piedade de min segundo a túa grande fidelidade!

[23]Foi tamén por este tempo cando vin algúns xudeus casar con mulleres axdoditas, amonitas e moabitas; [24]a metade dos seus fillos falaban axdodeo e ninguén deles se mostraba capaz de falar hebreo, senón só na lingua dun ou doutro pobo. [25]Rifeilles moito e maldicinos, zoupei nalgúns e tireilles dos cabelos; despois fixenos xurar no nome do Señor: –Non deades as vosas fillas aos seus fillos e non tomedes as súas fillas para vosos fillos nin para vós. [26]Non foi acaso por isto polo que pecou Salomón, rei de Israel? Entre as numerosas nacións non houbo rei coma el;

**13**, 1 Cf Dt **23**, 3-6.
**13**, 6 No ano 432 a. C. Os reis de Persia tiñan tamén a súa residencia en Babilonia.
**13**, 16 *Os tirios* eran moi coñecidos polo seu comercio marítimo, e é lóxico que viñesen a Xerusalén, por mor dos negocios.
**13**, 19 *O sábado* empezaba e comeza hoxe para os xudeus, á posta do sol do venres.
**13**, 26 Cf 1 Re **11**, 1-13.

era amado polo seu Deus e establecérao rei
de todo Israel. Con todo, foi a el a quen as
mulleres estranxeiras enredaron no pecado.
27Que non se volva oír que cometedes a in-
famia de ofender o noso Deus, casando con
estranxeiras.
28Un dos fillos de Ioiadá, fillo de Eliaxib,
o sumo sacerdote, era o xenro de Sambalat, o
horonita. Púxeno en fuga, lonxe de min.
29Acórdate deles, meu Deus, porque lixa-
ron o sacerdocio e a alianza do sacerdocio e
dos levitas!
30Purifiqueinos de toda clase de estranxei-
ros e restablecín os sacerdotes e levitas nos
seus respectivos empregos, cada un na súa
función; 31restablecín tamén a ofrenda de leña,
nas épocas fixadas, o mesmo ca as primicias.
Acórdate de min, meu Deus, para ben!

**13**, 31 Aquí remata o libro de Nehemías, dunha maneira súbita, pero fermosa: “Acórdate de min, meu Deus, para ben...”.

# INTRODUCIÓN A TOBÍAS

## 1. A súa situación na Biblia

*A Biblia grega dos LXX e mais a Vulgata latina presentan o* libro de Tobías*, xunto cos de Xudit e Ester, a continuación dos libros Históricos. Outras edicións da Biblia colócano, en troques, despois dos Sapienciais.*

## 2. O texto e as versións do libro

*O texto do libro de Tobías é controvertido. Ata hai uns anos tiñamos acceso ao libro a través dunha versión grega, amais da siríaca e da latina, sendo as dúas últimas, traducións da primeira. Ao mesmo tempo, a versión grega considerábase dependente dun orixinal hebreo ou arameo. O texto que presentaba esa versión grega viña por dous condutos: o recollido polos códices Vaticano e Alexandrino, de sabor helénico, e o que ofrecían o Sinaítico e algunhas versións latinas dependentes del, texto máis longo, de colorido semítico. Os descubrimentos de Qumrân, cos catro manuscritos arameos e un hebreo do libro de Tobías, axudaron a ratificar a idea de que a versión grega ofrecida polo Sinaítico era a máis fiable, a pesar de ser a máis longa, ao mesmo tempo que confirmaban a sospeita de que o escrito orixinal era hebreo ou arameo. S. Xerome, pola súa parte, xa traducira o texto do arameo ao latín, axudado por un intérprete que llo pasaba ao hebreo.*

## 3. Data e lugar de composición

3.1. *A data é incerta. O máis probable é que fose escrito entre os séculos III e II a. C. Hai certas dependencias literarias respecto do libro apócrifo "Sabedoría de Ahicar" (século V a. C.), e, por outra banda, non se nota aínda a influencia dos Macabeos (século II a. C.).*

3.2. *Descoñécese en que lugar sería composto: quizais en Palestina, con preferencia a Exipto ou Babilonia.*

## 4. Xénero literario do libro

*O autor non ten moitas preocupacións históricas nin xeográficas, ata o punto de non lle importaren as discordancias ou anacronismos neses campos. Máis ben parece tratar de esconder os feitos prodixiosos baixo a súa linguaxe pulcra e poética, chea de vida e de colorido. O seu intento é transmitir unha mensaxe de vida eterna, non unha historia, sen excluíla tampouco. Parece como se quixese abarcar moitas xeracións cun só home. A única pretensión do autor é transmitir ás persoas a vivencia da súa fe na protección divina, e ofrecerlles o exemplo doutros que tiveron a mesma fe e a levaron á vida.*

## 5. O contido do libro de Tobías

*O tema de fondo é a providencia de Deus exercida tamén fóra do país. De feito o nome "Tobit" significa "Iavé é o meu ben". Ao longo do libro fanse exhortacións a respectar a Lei de Deus, fuxindo das forzas do mal e deixándose guiar polos anxos do Señor. Quen tal fai, atenderá aos mortos, dándolles unha digna sepultura, e socorrerá aos vivos, ofrecéndolles esmola. E Deus bendicirá os matrimonios, facéndoos felices.*

## 6. Proveito espiritual para o lector

*O libro de Tobías continúa sendo palabra viva para quen o le, movendo a persoa crente á loanza divina coa boca e cos feitos. Do seu corazón deberá brotar unha acción de grazas semellante á de Tobit: Bendito Deus, que reina eternamente e vive polos séculos. Amén!*

# TOBÍAS

**Prólogo**

**1** [1]Libro dos feitos de Tobit, fillo de Tobiel, fillo de Hananiel, fillo de Aduel, fillo de Gabael, fillo de Ariel, da descendencia de Asiel, da tribo de Naftalí, [2]deportado de Thibé –ao sur de Quédex de Naftalí, na alta Galilea, enriba de Hasor, detrás da rota occidental, ao norte de Xefat– durante o reinado de Xalmanasar, rei de Asiria.

**A vida santa de Tobit**

[3]Eu, Tobit, camiñei toda a miña vida con sinceridade e verdade, e repartín moitas esmolas entre os meus parentes e compatriotas deportados xuntamente comigo en Nínive de Asiria.

[4]De mozo, cando aínda vivía na miña patria, Israel, separouse toda a tribo do noso pai Naftalí da dinastía de David e de Xerusalén, a cidade elixida entre todas as tribos de Israel para ofrecer sacrificios e ser a morada do Altísimo, santificada para todas as xeracións do futuro. [5]Todos os meus parentes e a casa de Naftalí, o meu devanceiro, ofrecían sacrificios tamén, sobre todas as montañas de Galilea, ao becerro que Ieroboam, rei de Israel, fabricara en Dan. [6]Con moita frecuencia era eu o único que ía a Xerusalén no tempo das festas, de acordo co que ordena a todo Israel un precepto eterno. Eu bulía a Xerusalén coas primicias, tanto dos froitos coma dos animais, e co décimo e coa primeira la das ovellas. [7]Entregáballelo todo aos sacerdotes, fillos de Aharón, para o altar. Daba tamén o décimo do trigo, do viño, das oliveiras, das milgrandas, dos figos e doutros froitos aos fillos de Leví para o servizo en Xerusalén. O segundo décimo descontábao e ía depositar cada ano os cartos a Xerusalén. [8]Daba así mesmo o terceiro décimo aos orfos, ás viúvas e aos estranxeiros residentes cos fillos de Israel; leváballelo e dáballelo cada tres anos, e o que nós comiamos era segundo a prescrición da Lei de Moisés e as instrucións dadas por Deborah, a nai de Hananiel, noso pai –pois o meu pai deixárame orfo cando morreu–. [9]Xa home, casei cunha muller descendente dos nosos devanceiros e tiven dela un fillo ao que lle dei o nome de Tobías. Ensineille desde a infancia a temer a Deus, e a absterse de todo pecado.

[10]Deportado a Nínive coa miña muller e co fillo e con toda a miña tribo, todos os meus parentes e compatriotas comían dos manxares dos xentís, [11]pero eu gardeime ben de facelo, [12]pois tiña moi presente a Deus. [13]E o Altísimo fixo que gañase o favor de Xalmanasar, e cheguei a ser o seu provedor, [14]e viaxei pola Media, mercando, ata a súa morte, canto necesitaba. Deste xeito, tiven a ocasión de depositar na casa de Gabael, irmán de Gabrí, no país de Media, uns trescentos quilos de prata. [15]Á morte de Xalmanasar, sucedeuno o seu fillo Senaquerib. As rotas da Media quedaron baixo a insurrección e xa non era posible ir á Media. [16]No tempo de Xalmanasar fixen moitas esmolas aos meus irmáns de raza; [17]dei do meu pan aos que tiñan fame e vestidos aos que estaban espidos. Se vía o cadáver dalgún dos meus compatriotas tirado tras a muralla de Nínive, enterrábao. [18]Fun eu quen enterrei todos cantos matou Senaquerib ao volver derrotado de Xudea; o Rei do ceo castigouno polas súas blasfemias e el, alporizado, matou moitos israelitas. Entón eu, collín os cadáveres e enterreinos ás agachadas. Senaquerib mandou buscalos, mais non apareceron. [19]Un ninivita foime denunciar ao rei, declarando que fora eu o que os enterrara. Acocheime, e cando souben fixo que o rei o sabía e que

**1**, 1 *Tobit* é sempre o nome do pai, e "Tobías" o do fillo. Así no texto grego. Se hai algún desatino nisto, vén da tradución latina.

**1**, 2 Non se trata de Xalmanasar V (726-722), o que deportou a tribo de Naftalí a Siria, senón do seu predecesor Teglatpeléser III (745-727). *Thibé* non é a patria de Elías (cf 1 Re **17**, 1). Hai que situala entre Quédex-Naftalí e Hasor.

**1**, 3 Tobit é o prototipo do xudeu fiel ás prescricións da Lei, tal como as presenta o Dt, sempre pronto a asistir aos necesitados. Enterra os mortos, para que a medula dos seus osos permaneza fresca, preparada para a resurrección. Por un motivo semellante de fidelidade á Lei, ofrece esmola a quen ten fame.

**1**, 8 Esta práctica, inspirada en Dt **14**, 22-29, non era obrigatoria, pero si moi de acordo cun corazón cheo de caridade. Daquela, no pobo de Deus unha parte viña recollida da Lei, cos seus mandatos, e outra parte da tradición complementaria, cos preceptos e as normas de vida.

**1**, 10s Eran moitos os alimentos que prohibía a lei de Moisés: de aí que esta observancia resultase difícil no desterro. Vén ser algo semellante ao que nos nosos tempos ocorre co xaxún.

**1**, 15 O sucesor de Xalmanasar foi, en realidade, Sargón II (722-705), o predecesor de Senaquerib (704-681).

**1**, 17 Enterrar os mortos era un deber sagrado, pois nada peor que deixalos insepultos (cf Dt **21**, 22s; Xer **16**, 4). En troques, de acordo coa antropoloxía semítica, a sepultura fainos permanecer preparados para outra vida.

me buscaba para me dar morte, fuxín cheo de medo. [20]E fun desprovisto de todo canto tiña, e non me quedou nada que non fose confiscado para o tesouro do rei, fóra de Ana, a miña muller, e de Tobías, o meu fillo. [21]Pero antes de corenta días foi asasinado Senaquerib por dous dos seus fillos, que fuxiron aos montes de Ararat. Sucedeuno o seu fillo Asarhadón. Este puxo a Ahicar, fillo de meu irmán Hanael, á fronte de toda a contabilidade administrativa do reino. [22]Entón Ahicar intercedeu por min e puiden baixar de novo a Nínive. Ahicar, en efecto, fora copeiro maior, chanceler, tesoureiro e contable durante o reinado de Senaquerib de Asiria, e Asarhadón repúxoo nas súas funcións. Ademais de ser o meu sobriño, procedía da miña parentela.

### Sufrimentos de Tobit

**2** [1]Baixo o reinado de Asarhadón, volvín, pois, á miña casa e fóronme devoltos a miña muller Ana e o meu fillo Tobías. Na nosa festa de Pentecoste (a festa das Semanas), preparáronme un bo xantar. Senteime a comer. [2]Trouxéronme á mesa gran cantidade de pratos finos, e eu díxenlle entón ao meu fillo Tobías: –Vai ver, fillo, se atopas entre os nosos irmáns deportados a Nínive algún pobre que se lembre do Señor con todo o seu corazón e tráemo para que participe do meu xantar. Agardarei ata que veñas.

[3]Tobías saíu en busca dalgún pobre entre os nosos irmáns; pero volveu dicindo: –Pai.

Eu respondinlle: –Que pasa, filliño?

El contestou: –Papaíño, hai un da nosa nación que foi asasinado e tirado na praza maior, e aínda segue aí, esganado.

[4]Dei un salto, sen probar bocado, para retirar o cadáver da praza e metelo nun cuarto co fin de enterralo á posta do sol. [5]Volvín á casa, bañeime e comín o meu pan con tristura, [6]lembrándome da palabra do profeta Amós, proferida contra Betel:

*As vosas festas tornaranse en loito*
*e todos os vosos camiños en lamentacións.*

E empecei a chorar. [7]Á posta do sol, saín, cavei unha foxa e enterreino. [8]Os meus veciños burlábanse de min, dicindo: –Xa non ten medo. Buscárono para matalo por iso que fai, e tivo que fuxir; e de novo volve enterrar os mortos.

[9]Aquela noite, despois de me purificar, saín ao patio e deiteime onda o muro, coa cara descuberta pola calor. [10]Non sabía que houbese pardais no muro, enriba de min; e, estando cos ollos abertos, caeume neles o seu excremento quente e provocou leucomas. Fun aos médicos, pero cantos máis medicamentos me aplicaban máis cego me poñía, e acabei cego de todo. Estiven sen vista catro anos. Todos os meus irmáns estaban consternados por causa miña, e Ahicar remediou as miñas necesidades durante dous anos, antes da súa marcha para Elimaida. [11]Por este tempo, a miña muller Ana conseguira traballo de simple tecelá. [12]Traballaba para os seus amos e estes dábanlle o seu xornal. O sete do mes de marzo rematou unha peza e entregóullela aos amos, que lle deron a súa paga, xunto cun cabrito de gratificación para comer. [13]Ao aproximarse a min, o cabrito empezou a berrar; eu chameina e díxenlle: –De onde é ese cabritiño? Roubáchelo, acaso? Devólvellelo aos seus donos. Non temos o dereito de comer o que foi roubado.

[14]Ela replicoume: –Que non, que é un regalo que me fixeron, engadido ao que se me debía.

Pero eu non acababa de crelo e seguíalle dicindo que llelo devolvese aos donos. E con este motivo indigneime contra ela, que me volveu replicar: –Onde están as túas esmolas? Onde as túas obras? Todo canto che ocorre está ben claro.

### Prego de Tobit

**3** [1]Embargada a alma por unha gran tristura, enchinme de salaiar e chorar, e entre laios comecei a suplicar:

**1**, 21 *Asarhadón* (680-669).
**1**, 22 *Ahicar* é un personaxe que aparece aquí moitas veces. Foi tomado, segundo parece, dun libro oriental, a "Sabedoría de Ahicar". Ahicar é o tipo de político sagaz, que ten solucións para todo. O ser sobriño de Tobit supoñía para este unha boa axuda ante o rei.
**2**, 4 Esperar a posta do sol quere dicir esperar o día seguinte, que xa non era festivo, pois os xudeus comezan o día á caída da tarde.
**2**, 5 Despois de tocar algún cadáver, mandaba a Lei bañarse, para se purificar.
**2**, 6 Todo xudeu piadoso meditaba a miúdo as palabras dos profetas. Na cita de Am **8**, 10, dise "cantos", non "camiños" (cf texto hebreo). O erro no grego deuse pola semellanza de vocábulos, pois "hodoi" significa "camiños" e "hodai" "cantos".
**2**, 10 Trátase de manchas brancas, que poden provocar a cegueira. A Vulgata relaciona aquí a Tobit con Xob (**2**, 14). Compara a súa paciencia coa do home xusto de Us. *Elimaida* é unha provincia de Persia (cf 1 Mac **6**, 1). Non se dá a razón da viaxe.
**2**, 14 Ana ocupa aquí o lugar da muller de Xob, ao pensar que o marido foi reprobado polo seu Deus, de aí a cegueira.
**3**, 1 A pregaria ocupa un lugar moi importante no libro de Tobías (**3**, 2-6. 11-15; **8**, 5-7. 15-17...).

[2]Ti es xusto, Señor,
e todas as túas obras son xustas.
Todos os teus camiños
son fidelidade e verdade,
e es ti quen xulgas o mundo.
[3]Lémbrate, polo tanto, de min,
olla e non me castigues
polos meus pecados
nin polas miñas iniquidades,
nin por canto meus pais
faltaron diante de ti.
[4]Desobedeceron os teus mandamentos,
por iso fomos entregados á pillaxe,
á deportación e á morte,
obxecto de escarnio
para todas as nacións,
entre as que nos vemos esparexidos.
[5]Si, todos os teus xuízos son verdadeiros,
cando me tratas así polos meus pecados
e os de meus pais,
porque non cumprimos os teus preceptos
nin camiñamos
pola verea da verdade diante de ti.
[6]Agora, pois, trátame como queiras,
manda que me priven do meu alento,
que desapareza da face da terra
e que volva ser terra.
Mellor me é morrer que vivir,
despois de oír tales aldraxes
e verme invadido pola pena.
Ordena, Señor,
que me vexa libre desta angustia,
déixame partir para a eterna morada
e non apartes de min o teu rostro, Señor.
Si, máis me vale morrer
que ter que escoitar
toda a vida tales aldraxes.

### As desgrazas de Sárah

[7]Aquel mesmo día ocorreu que Sárah, a filla de Reuel de Ecbátana en Media, foi tamén insultada por unha das servas de seu pai. [8]A razón era que ata sete veces estivera casada, e Axmodeo, o demo malvado, matara un por un todos os seus maridos antes de que se unisen con ela, segundo o debido cunha esposa. A criada dicíalle: –Es ti a que matas os maridos. Xa fuches entregada a sete, e non levaches o nome de ningún. [9]Por que nos atormentas co pretexto da morte dos maridos? Vaite xuntar con eles e que non proceda de ti nin fillo nin filla.

[10]Ese día, chea de tristura, botouse a chorar e subiu ata a cámara alta de seu pai coa intención de se aforcar. Pero reflexionou e díxose: –Non vaian insultar a meu pai, dicíndolle: Só tiñas unha filla querida, e viuse forzada a aforcarse a causa das súas desgrazas. Faría baixar o meu vello pai á morada dos mortos pola tristura. É mellor que non me colgue e que suplique ao Señor que me faga morrer para non oír insultos toda a vida.

### Pregaria de Sárah

[11]No mesmo momento, levantou as mans do lado da fiestra e rezou desta maneira:
Bendito sexas ti, Deus compasivo.
Bendito o teu nome polos séculos.
Que todas as túas obras
te bendigan por sempre.
[12]Neste momento é a ti
a quen levanto o meu rostro
e volvo os ollos.
[13]Líbrame desta terra
e que non volva oír máis insultos.
[14]Ti sábelo, Mestre meu,
eu mantívenme pura
de todo acto impuro con home.
[15]Non lixei nin o meu nome
nin o de meu pai
sobre esa terra á que fun deportada.
Son filla única de meu pai,
non ten ningún outro fillo que o herde;
non ten tampouco xunto del
nin irmáns nin parente
para o que me deba reservar
como esposa.
Perdín xa sete maridos;
por que vou seguir vivindo?
Mais se non te prace facerme morrer,
entón, Señor, presta oídos
ao insulto que se me fai.

### Tobit e Sárah, escoitados

[16]Nese mesmo momento, a pregaria dos dous foi oída na presenza da gloria de Deus

**3**, 2 A confesión da xustiza de Deus é indirectamente unha acusación do pecado do pobo de Israel. Esta idea é moi repetida despois do exilio.
**3**, 7 O relato pasa agora da boca de Tobit á dun narrador anónimo.
*Ecbátana* era a capital do reino de Media. Hoxe chámase Hamadán.
**3**, 8 *Axmodeo*, ou sexa, o que "fai perecer". Só aparece en Tob. É a antítese de Rafael, que significa "Deus sanda". Na mentalidade antiga as enfermidades atribuíanse aos malos espíritos.
**3**, 10 A idea de suicidio que, á fin, Sárah rexeita, era allea ao xudaísmo.
**3**, 11 Un dos temas favoritos de Tob é o de bendicir a Deus. Se o fai un pagán, supón a súa conversión.

[17]e Rafael foi mandado para curalos aos dous: a Tobit, quitándolle o mal dos ollos, co fin de que puidese ver a luz de Deus; a Sárah, a filla de Reuel, entregándoa por muller a Tobías, o fillo de Tobit, expulsando dela ese demo protervo, Axmodeo; pertencíalle, en efecto, a Tobías antes que a calquera outro pretendente. Nese instante Tobit pasaba do patio á casa e Sárah, a de Reuel, baixaba do piso alto.

### Testamento de Tobit

**4** [1]Por ese mesmo tempo, lembrouse Tobit do diñeiro que depositara na casa de Gabael, en Raguex de Media [2]e dixo para si: "Como xa pedín a morte, farei moi ben en chamar ao meu fillo e revelarlle a existencia dese diñeiro antes de morrer".

[3]Chamou, pois ao seu fillo Tobías, que se lle acercou, e díxolle: –Entérrame como convén. Honra a túa nai. Non a abandones ningún día da súa vida. Fai todo canto lle agrade. Non a contristes o máis mínimo. [4]Acórdate, filliño, de todas cantas pasou ela por ti cando estabas no seu seo. E cando morra, entérraa onda min nunha mesma sepultura. [5]Durante todos os teus días, fillo querido, lémbrate do Señor; non consintas en pecado ningún, quebrantando os seus mandamentos. Cumpre as obras de xustiza todos os días da túa vida e non sigas endexamais os camiños da inxustiza, [6]porque os que obran con verdade terán éxito nas súas empresas. [7]Todos os que practican a xustiza deben recibir esmolas dos teus bens. Que a túa mirada non se entristeza cando fas algunha esmola. Non retires xamais o teu rostro dun pobre, e o rostro de Deus non se arredará de ti. [8]Fai a esmola de acordo co que teñas, segundo a importancia dos teus bens. Se tes pouco, non temas facer a esmola segundo ese pouco que tes: [9]é un gran tesouro o que almacenas para o día da desgraza, [10]pois a esmola libra da morte e impide caer nas tebras; [11]en efecto, para cantos a fan, e esmola é unha fermosa ofrenda aos ollos do Altísimo. [12]Gárdate, fillo querido, de toda unión ilegal, e, o primeiro de todo, toma muller da raza de teus pais. Non cases cunha muller estranxeira, que non sexa da tribo do teu pai, porque nós somos fillos de profetas. Lémbrate, filliño, de Noé, Abraham, Isaac, Xacob, os nosos pais: desde os tempos remotos tomaron todos muller de entre a súa parentela, e así foron benditos nos seus fillos e a súa raza terá a terra en herdanza. [13]Así, pois, fillo meu, que as túas preferencias sexan polos teus irmáns; non te mostres altivo diante deles, dos fillos e fillas do teu pobo, nin te avergoñes de tomar unha muller de entre eles, porque no orgullo hai moita ruína e intranquilidade e na incuria, decadencia e miseria extremas, pois a incuria é nai da fame.

[14]Non gardes para mañá o salario dun traballador, senón págalle todo deseguida, e se ti serves a Deus, el xa cho pagará. Tente moi á raia, fillo, en todas as túas accións e dá probas da madurez en toda a túa conduta. [15]O que non queiras para ti, non llo fagas a ninguén. Non bebas viño ata te emborrachar e que endexamais a borracheira non te acompañe no camiño. [16]Dá do teu pan ao que ten fame e roupa aos que están espidos. Co que che sobre fai esmola. Que a túa ollada sexa sen tristura cando fas a esmola. [17]Prodiga o teu pan sobre a tumba dos xustos, mais non llelo deas aos pecadores.

[18]Aconséllate de toda persoa asisada e non despreces xamais un bo consello. [19]En toda ocasión, bendí ao Señor o teu Deus e pídelle que faga rectos os teus camiños e que te faga saír airoso de todas as túas empresas e proxectos, pois ningún pobo ten en exclusiva a perspicacia, senón que é o Señor o que dá todo ben, abaixando a quen quere ata o fondo da morada dos mortos. E agora, fillo, fai o propósito de gardar na memoria estas instrucións e que endexamais se borren do teu corazón. [20]Chegou o momento de dicirche, fillo querido, que depositei dez talentos de prata na casa de Gabael, o fillo de Gabrí, en Raguex de Media. [21]Polo tanto, non che dea pena de que sexamos pobres; ti posúes unha gran riqueza, se temes a Deus, se foxes de toda clase de pecado e se obras ben aos ollos do Señor, o teu Deus.

**3**, 17 *Rafael*, un dos tres arcanxos da Biblia. A súa misión é a de acompañar e curar, coma o anxo que conduce a Israel polo deserto (Éx **23**, 20-23) á terra prometida. É así mesmo un dos intercesores privilexiados diante de Deus e dos primeiros da xerarquía celeste.

**4**, 3-19 Estes vv. pertencen ao chamado xénero literario do "testamento". Ocúpase da herdanza espiritual, da esmola, das regras do matrimonio, e das relacións co próximo.

**4**, 12 *Fillos de profetas*, refírese a homes que tiveron especiais relacións con Deus (cf Xén **20**, 7).

**4**, 15 A máxima chamada «regra de ouro» atópase en particular na «Sabedoría de Ahicar» e, sobre todo, en boca de Xesús, en Mt **7**, 12.

**4**, 17 Este v. é sorprendente. Pasou así do costume dos pagáns ao libro de Tob, ou quere dicir que se debe levar axuda aos familiares dos mortos? Este segundo sentido parece o máis lóxico.

**Preparativos da viaxe**

**5** [1]Entón Tobías respondeu ao seu pai Tobit:
–Farei, papá, todo canto me ordenaches.
[2]Mais como poderei recuperar esa prata, pois
eu non coñezo ese home nin el a min? Que
sinal lle vou dar para que me recoñeza, se fíe
de min e me dea a prata? E, ademais, non sei
o camiño para ir á Media.

[3]Tobit respondeu ao seu fillo Tobías: –Teño
unha acta asinada por el; eu asineina tamén e
partina á metade e cada un ten unha parte, pois
a súa quedou coa prata. Hai xa vinte anos que
a deixei en depósito. Polo tanto, filliño, busca
agora a alguén de confianza para que te acom-
pañe; pagarémoslle un salario ata a volta. Vai,
pois, recoller esa prata á casa de Gabael.

[4]Tobías saíu en busca de alguén que o pui-
dese acompañar á Media; un que coñecese
ben o camiño. Non tardou en se atopar co
anxo Rafael en pé diante del; mais non pen-
sou que fose un anxo de Deus. [5]Díxolle: –De
onde es ti, amigo?

O anxo respondeulle: –Son un fillo de Is-
rael, un dos teus irmáns e vin por aquí para
traballar.

Tobías díxolle: – Coñeces ti o camiño para
ir á Media?

[6]O anxo respondeulle: –Si, estiven alí moi
a miúdo, coñezo todos os camiños de memo-
ria. Fun ben veces á Media e hospedeime na
casa de Gabael, o noso irmán, que vive en
Raguex de Media. Hai dous días de camiño
normal desde Ecbátana a Raguex, pois Ra-
guex está na montaña e Ecbátana no val.

[7]Tobías díxolle: –Agárdame, amigo, men-
tres llo vou dicir ao meu pai, pois faime falta
que veñas canda min, e xa che pagarei o teu
salario.

[8]El díxolle: –Moi ben, seguirei aquí, mais
non te demores.

[9]Tobías foi informar ao seu pai Tobit e
díxolle: –Xa dei cun israelita de entre os no-
sos irmáns.

Tobit contestou: –Chámamo, que quero
saber de que clan e de que tribo é, e se podo
contar con el para te acompañar.

[10]Tobías saíu chamalo e díxolle: –Amigo,
chámate meu pai.

O anxo entrou na casa e Tobit adiantouse a
saudalo. El respondeu: –Deséxoche benestar
en abundancia.

Tobit replicou: –Que benestar vou ter?
Estou cego, sen poder ver a luz do ceo. O
meu camiñar é nas tebras, coma os mortos
que non contemplan máis a luz. Vivindo, ha-
bito cos mortos, oio a voz da xente, pero non
a vexo.

O anxo díxolle: –Ten coraxe; Deus curara-
te moi axiña; coraxe.

Tobit, entón, preguntoulle: –Meu fillo To-
bías ten a intención de ir á Media, poderías ti
acompañalo e servirlle de guía? Eu pagarei-
che o teu salario, irmán.

El contestou: –Estou disposto a facelo, co-
ñezo todos os camiños, fun a Media a miúdo,
e percorrín todas as súas chairas e montañas
e coñezo todos os camiños.

[11]Tobit preguntoulle: –Irmán, de que fami-
lia es ti e de que tribo? Dimo, irmán.

[12]El respondeu: –E que necesidade tes de
coñecer a miña tribo?

Tobit replicou: –Quero, irmán, saber con
certeza de quen es fillo e cal é o teu nome.

[13]El respondeulle: –Eu son Azarías, fillo
de Hananías o Grande, un dos teus irmáns.

[14]Tobit díxolle: –Sexas benvido, irmán.
Non me tomes a mal que quixese saber con
certeza de que familia es. Resulta que ti es
o noso parente, dunha moi boa familia. Eu
coñezo a Hananías e a Natán, ambos fillos do
ilustre Xelomit. Viñan comigo a Xerusalén
para adorar o noso Deus. Non escolleron mal
camiño. Os teus irmáns son xente de ben. Ti
es de moi boa cepa. Benvido sexas.

[15]E dixo máis: –Douche como paga un
dracma por día e a mesma mantenza do meu
fillo. [16]Acompáñao, fai o favor, e engadirei
ademais algunha cousa ao teu salario.

[17]O anxo respondeu: –Si, irei con el, non
teñas preocupación ningunha. Todo nos irá
ben, tanto á ida coma á volta; pois o camiño
é seguro.

Tobit contestou: –Sexas bendito, irmán.

Despois chamou por seu fillo e díxolle:
–Fillo querido, prepara canto necesites para
a viaxe e sae co teu irmán. Que o Deus que
está no ceo vos teña aló enriba canda El e que
vos conduza sans e salvos e vos faga volver
onda min. E que o seu anxo vaia convosco e
vos protexa, fillo.

Tobías saíu e púxose en camiño, abrazou o
seu pai e a súa nai e Tobit díxolle: –Boa viaxe.

**5**, 3 Cúmprese aquí a regulamentación sobre os depósitos, prevista no Código da Alianza (Éx **22**, 6-12; cf Lev **5**, 21-26).
**5**, 6 Ese longo percorrido necesitaba na realidade moito máis tempo.
**5**, 10 *O anxo* trata de convencer ao cego Tobit de que os camiños de Deus son misteriosos e que fai falta confiar nel e ter paciencia. Non ten reparo en dicirlle claramente: "Deus hate curar"...
**5**, 15 *Un dracma* era a paga normal dunha xornada, coma o denario romano (cf Mt **20**, 2).

18A súa nai empezou a chorar e díxolle a
Tobit: –Por que mandaches saír ao meu fillo?
Non é el o bastón da nosa man, o que vai e
vén diante de nós? 19Que non se engada ese
diñeiro ao que xa temos, pois nada conta ao
lado do noso fillo. 20Chegábanos ben a manei-
ra de vivir que o Señor nos foi dando ata aquí.
21Mais el díxolle: –Non te atormentes,
muller: todo lle irá ben ao noso fillo, tanto
á ida coma á volta, e os teus ollos verán o
día no que retorne a nós san e salvo. 22Deixa,
polo tanto, de te atormentares; non te apures
por eles, muller, que un anxo vai canda eles;
terán unha viaxe feliz e volverá san e salvo.
23E ela parou de chorar.

### A captura dun peixe

**6** 1Cando saíron, mozo e anxo, o can foi canda
eles. Camiñaron xuntos ata que se fixo de
noite, e acamparon á beira do río Tigris. 2O
mozo baixou ata o Tigris para lavar os pés.
Entón un gran peixe saltou fóra da auga e in-
tentou engulirlle un pé. O rapaz deu un berro.
3O anxo díxolle: –Píllao, non o deixes liscar.
Tobías agarrouno e sacouno fóra. 4O anxo
díxolle: –Ábreo, quítalle o fel, o corazón e
mais o fígado, e ponos a un lado, pois serven
de medicina; as tripas tíraas.
5O rapaz abriu o peixe, recolleu o fel, o co-
razón e o fígado, e asou un anaco, comeuno,
e salgou o resto. 6Seguiron o camiño os dous
xuntos ata as proximidades de Media. 7Entón
Tobías preguntoulle ao anxo: –Irmán Azarías,
que remedios se sacan do corazón, do fígado
e do fel do peixe?
8El respondeulle: –Se un home ou unha
muller se ven atacados por algún demo ou
espírito malo, faise subir diante deles o fume
do corazón e do fígado do peixe e xa non os
volve atacar; quedan ceibes para sempre.
9Referente ao fel, untas con el os ollos do que
padece leucomas, sopras sobre eles e curan.

### Plano de casamento

10Chegados á Media, achegábanse xa a
Ecbátana 11cando Rafael lle dixo a Tobías:
–Amigo Tobías.
El respondeulle: –Que?
O anxo dixo: –Hoxe imos facer noite na
casa de Reuel. É o teu parente e ten unha filla
chamada Sárah. 12É filla única. Ti es o paren-
te con máis dereitos para casares con ela e
herdares os bens de seu pai. É unha virxe re-
flexiva, decidida, encantadora e seu pai é un
home de ben. 13E dixo máis: –Ti tes o dereito
de recibila por esposa. Escóitame, pois, ir-
mán: voulle falar esta mesma tarde da rapaza
ao pai para podela obter como prometida; e
cando volvamos de Raguex, celebraremos o
casamento. Eu sei que Reuel non cha pode
negar en absoluto nin darlla a outro, pois in-
correría na pena de morte, segundo o vere-
dicto do libro de Moisés, polo feito de que
tes ti a prioridade de obtela por esposa. Es-
cóitame, pois, irmán: imos esta mesma tarde
falarlle da filla e pedirlla en matrimonio; e,
cando regresemos de Raguex, tomarémola e
levarémola connosco á túa casa.
14Tobías respondeu entón a Rafael: –Aza-
rías, meu irmán: oín dicir que xa foi dada a
sete maridos e que todos eles morreron na
cámara nupcial; a noite mesma en que en-
traban onda ela, morrían. Algúns dicían que
se trataba dun demo que os mataba, 15de aí
que, neste momento, teña medo. A ela non lle
facía mal ningún, mais ao que se achegase a
ela, o inimigo matábao. Eu son fillo único de
meu pai. Se eu morro tamén, farei baixar á
tumba a vida de meu pai e de miña nai, cheos
de dor por culpa miña. E non teñen outro fillo
que os enterre.
16Rafael díxolle: –Esquecícheste das instru-
cións de teu pai, como che mandou que es-
colleses unha muller da casa do teu parente?
Polo tanto, escóitame, irmán, e non recees por
ese demo, e recíbea por esposa. Sei, ademais,
que esta mesma tarde cha dará por muller.
17Mais cando entres na cámara nupcial, colle
un cacho de fígado do peixe, xunto co cora-
zón, e pono nunhas brasas. O ulido estende-
rase e o demo notarao e fuxirá e non volverá
xa máis e ninguén o ollará novamente arredor
dela. 18Cando chegue o momento preciso de te
xuntares con ela, levantádevos antes os dous,
rogade e suplicade ao Señor do ceo que teña
compaixón de vós e vos conceda a saúde. Non
teñades medo, pois é a ti a quen está destinada
desde sempre e es ti quen a debes salvar. Ela
seguirate e asegúroche que terás fillos dela,
que che serán como irmáns. Non te acovardes.

**5**, 19 Este v., un tanto difícil de interpretar, quizais queira dicir: o que interesa é o fillo, non o engadir diñeiro a diñeiro.
**6**, 1 É curiosa a mención do can. Por entón era animal medio errante e famento, co que non se tiña demasiada consideración.
**6**, 9 Na medicina antiga o fel dos peixes empregábase para curar o mal dos ollos.
**6**, 11 *Que?* Lit. "aquí estou". Esta frase, moi común nas tradicións patriarcais, supón dispoñibilidade por parte do que a pronuncia. Sabe que o "home de Deus" vaille dicir algo moi importante para el.
**6**, 15 A Biblia non fala a miúdo do medo do crente á morte.

[19]Unha vez oídas por Tobías estas palabras de Rafael e convencido de que ela era para el unha irmá, da raza e da casa de seu pai, empezou a amala apaixonadamente e o seu corazón namorouse dela.

### Casamento de Tobías

**7** [1]Ao entraren en Ecbátana, dixo Tobías: –Azarías, meu irmán, lévame dereitiño á casa do noso irmán Reuel.

O anxo conduciuno á casa de Reuel. Encontrárono sentado diante da porta do patio e adiantáronse a saudalo. El díxolles: –Saúde, irmáns, sexades benvidos.

E fíxoos entrar na súa casa. [2]Díxolle á súa muller Édnah: –Canto se semella ese mozo ao meu irmán Tobit!

[3]Édnah preguntoulles: –De onde sodes, irmáns?

Contestaron: –Da casa dos fillos de Naftalí, deportados a Nínive.

[4]Ela dixo entón: –Coñecedes o noso irmán Tobit?

Responderon: –Si que o coñecemos.

E ela de novo: –Como está?

Responderon: [5]–Moi ben; aínda vive.

E Tobías engadiu: –É meu pai.

[6]Reuel levantouse dun brinco e abrazouse a el chorando. Logo falou e díxolle: –Sexas benvido, fillo. Tes un pai excelente. Que mágoa que un home tan bo, que facía tantas esmolas, quedase cego!

E botándose ao pescozo do seu irmán Tobías, volveu chorar. [7]A súa muller Édnah chorou tamén por Tobit, e a súa filla Sárah tamén empezou a chorar. [8]Despois matou un carneiro do rabaño e recibiunos con moito amor. [9]Lavados xa e bañados, cando se foron sentar á mesa, Tobías dixo a Rafael: –Irmán Azarías, pregúntalle a Reuel se me dá a miña irmá, Sárah.

[10]Reuel oíu isto e díxolle ao mozo: –Come, bebe e aproveita a tarde, pois non lle corresponde a ninguén máis ca a ti, irmán, casar coa miña filla, Sárah, nin eu podo darlla a outro que non sexas ti, pois es o parente máis próximo. Con todo, meu fillo, vouche dicir toda a verdade. [11]Xa llela dei a sete homes de entre os nosos parentes, e todos morreron a noite mesma que ían con ela. Pero agora come, fillo, e bebe e o Señor intervirá no teu favor.

Mais Tobías dixo: –Non comerei bocado nin beberei aquí cousa ningunha mentres non resolvas este asunto.

Reuel díxolle: –Moi ben, vouno facer. Xa que ela che pertence segundo a decisión do libro de Moisés; é o ceo quen decide que cha dea. Recibe, pois, a túa irmá. A partir deste momento, ti es o seu irmán e ela a túa irmá. Entrégocha a partir de hoxe e para sempre. O Señor do ceo fará que esta noite sexa boa para ambos os dous, fillo. Que vos manifeste a súa misericordia e a súa paz.

[12]Reuel chamou entón a Sárah, ela veu onda el. Tomándoa pola man, entregoulla a Tobías dicindo: –Recíbea segundo a Lei e segundo a decisión consignada no libro de Moisés, que cha dá por muller. Tómaa e lévaa sen medo a teu pai. Que o Deus do ceo vos conduza en paz.

[13]Despois chamou á nai de Sárah e mandoulle traer con que escribir. E redactou o documento do contrato de matrimonio, no que se consignaba que lla daba por muller segundo a decisión da Lei de Moisés. [14]Só entón comezaron a comer e beber.

### A noite do casamento

[15]Reuel chamou á súa muller Édnah e díxolle: –Irmá miña, prepara o outro cuarto e leva a el a Sárah.

[16]Édnah foi preparar un leito no cuarto, como el lle mandara. Levouna e botouse a chorar por ela; despois limpou as bágoas e díxolle: [17]–Moito ánimo, filla, que o Deus do ceo cambie en ledicia o teu pesar.

E saíu.

**8** [1]Rematada a comida e bebida, quixeron deitarse. Conduciron o mozo ata o cuarto. [2]Tobías lembrouse das palabras de Rafael: sacou do seu bolso o fígado e o corazón do peixe e púxoo sobre os tizóns do braseiro. [3]O ulido do peixe detivo ao demo, que fuxiu polos aires, camiño dos desertos de Exipto. Rafael foi aló e encadeouno alí mesmo. [4]Despois deixou a Tobías e pecharon a porta da habitación. El ergueuse do leito e díxolle á moza: –Érguete, irmá, recemos, e supliquemos ao Señor para que nos conceda a súa misericordia e saúde.

[5]Ela ergueu e puxéronse a rezar e a suplicar, para que se lles concedese a saúde. E el dixo:

**7**, 11s Tob usa moito "irmán", "irmá", referíndose aos correlixionarios, aos parentes, aos esposos. É o uso normal na Biblia, que non se pode entender no senso que eses vocábulos teñen hoxe entre nos.
**7**, 12 Estes xestos teñen un valor ritual, litúrxico.
**7**, 13 Son algúns detalles da cerimonia do matrimonio na Diáspora: consentimento do pai e da filla, e confirmación por escrito.
**8**, 3 *Exipto* representa aquí o lugar dos malos espíritos, quizais por ser terra de desertos, que son os lugares preferidos deles.

Bendito sexas, ti, Deus de nosos pais.
Bendito o teu nome
en todas as xeracións do futuro.
Que te loen os ceos e toda a creación
en todos os séculos.
6Ti creaches a Adán
e fuches ti quen lle deches
unha axuda e soporte, a súa muller Eva,
e de ambos naceu a raza dos homes.
Fuches ti quen dixeches:
*Non está ben que o home viva só:*
*fagámoslle unha axuda semellante a el.*
7Agora, pois, non é desexo ilexítimo
o que me move a tomar por esposa
esta irmá que teño aquí;
senón o amor de verdade.
Ordena que se nos outorgue misericordia
tanto a ela coma a min,
e que cheguemos xuntos á vellez.
8Despois dixeron á vez: Amén, amén.
9E deitáronse para pasar a noite.

Reuel, pola súa banda, levantouse e xuntou os servidores. Foron cavar unha tumba. 10Reuel, en efecto, dixérase: "Pode que morra; non seriamos obxecto de risa e burla?". 11Cando remataron o seu labor, Reuel volveu á casa e chamou a súa muller. 12Díxolle: –Manda unha das túas criadas á habitación para ver se está vivo: deste xeito, se está morto, poderemos enterralo sen que ninguén saiba nada.

13Advertiron á serventa do que podía pasar, prenderon a lámpada e abriron a porta; ela entrou e viu que durmían xuntos profundamente. 14Ela saíu dar a noticia: –Está vivo, todo vai ben.

15Entón bendiciron o Deus do ceo, dicindo:
Bendito sexas, oh Deus,
digno de toda bendición.
Que se te loe polos séculos.
16Sexas bendito
pola consolación que me deches,
pois non foi como eu pensaba,
senón que nos trataches
con misericordia.
17Bendito sexas por teres compaixón
de dous pobres fillos únicos.
Móstralles, Señor,
a túa misericordia e salvación
e fai que a súa vida
transcorra na ledicia e na graza.

18E mandou aos seus servidores que cegasen a tumba antes da alborada.

### O festín das vodas

19Reuel díxolle á súa muller que preparase pan en cantidade; despois, que trouxese da corte dous bois e catro carneiros e que os cociñase. E comezaron os preparativos. 20Chamou a Tobías e manifestoulle: –Durante catorce días non te moverás de aquí; senón que seguirás comigo, comendo e bebendo, enchendo de gozo o corazón da miña filla, que aínda está impresionada polo golpe das súas desgrazas. 21Colle xa desde agora a metade de todos os meus bens, e retornarás sen dificultade ningunha onda teu pai. A outra metade será túa cando morramos a miña muller e eu. Ánimo, querido fillo, eu son o teu pai e Édnah a túa nai. Estamos contigo e coa túa irmá, desde agora e por sempre. Ánimo.

### Cobro do depósito da prata

**9** 1Entón Tobías chamou a Rafael e díxolle: 2–Azarías, meu irmán, leva contigo catro servos e dous camelos e vai a Raguex á casa de Gabael, entrégalle a acta do depósito e cobra a prata; despois trae a Gabael contigo para a festa. 3Ti sabes ben que meu pai non para de contar os días. 4Se eu me retardo un só día, serei causa de que se encha de pena. Por outra parte, sabes o que Reuel xurou: eu non podo ignorar o seu xuramento.

5Rafael partiu con catro servos e dous camelos camiño de Raguex de Media e pasaron a noite en casa de Gabael. Entregoulle a acta e comunicoulle que Tobías, o fillo de Tobit, tomara muller e que o convidaba á festa. Gabael contoulle ao momento os sacos, todos cos seus selos, e cargáronos. 6Despois saíron moi cediño para asistiren á festa. Entraron na casa de Reuel e atoparon a Tobías sentado á mesa. Este ergueuse dun salto e saudou a Gabael, que empezou a chorar, bendicíndoo nestes termos: –Fillo excelente dun home extraordinario, xusto e cheo de caridade. Que o Señor che dea a bendición do ceo, a ti, á túa muller, a teu pai e á nai da túa esposa. Loado sexa Deus, pois é o meu sobriño Tobit en persoa o que estou vendo.

**8**, 6 Este v. é o único das Escrituras que relaciona o matrimonio con Xén **2**, 18. Mt **19**, 4-5 e Mc **10**, 6-8 remiten a Xén **1**, 27; **2**, 24.
**8**, 7 Tob teme as unións ilegais, máis que ter ou non ter fillos.
**8**, 20 As festas das vodas adoitaban durar só oito días (cf Xén **29**, 27s).
**9**, 2 O motivo principal da viaxe é o matrimonio con Sárah. O de cobrar o diñeiro é secundario.

### Tobit e Ana agardando

**10** [1]Día a día, Tobit facía contas das xornadas necesarias para ir e volver. Xa pasaran os días que el calculaba e o fillo non chegaba. [2]Díxose: "Pode ser que o retivesen aló. Quizais morreu Gabael e non hai ninguén que lle dea o diñeiro". [3]E comezou a preocuparse. [4]A súa muller Ana dicía: –O meu fillo pereceu, xa non está entre os vivos.

E as bágoas corrían polos seus ollos e lamentábase dicindo: [5]–Son ben desventurada, fillo querido: deixeite saír, a ti, luz dos meus ollos.

[6]E Tobit dicíalle: –Cala, non sufras así, irmá, el está ben. Sen dúbida, tiveron algún contratempo aló, mais o que o acompaña é seguro, é un dos nosos irmáns. Non temas por el, irmá, pois axiña o veremos aquí.

[7]Mais ela respondeulle: –Non me digas nada, deixa de enganarme: o meu fillo pereceu.

E cada día saía o antes posible da casa e quedaba observando o camiño por onde marchara o fillo, pois non se fiaba de ninguén. Despois da posta do sol, volvía entrar para se lamentar e chorar toda a noite sen poder durmir.

### Tobías de volta

[8]Pasados os catorce días de festa que Reuel xurara celebrar en honra da súa filla, Tobías veulle dicir: –Déixame marchar, pois ben sei que meu pai e miña nai xa non teñen esperanza de me volveren ver. Por iso, rógoche encarecidamente, paiciño, que me deixes partir e volver á casa de meu pai; xa che expliquei en que situación tan crítica quedou.

[9]Pero Reuel dixo a Tobías: –Queda, fillo, queda comigo. Mandarei mensaxeiros ao teu pai Tobit e daranlle noticias túas.

Tobías respondeulle: –Non, non, suplícoche que me deixes volver á casa de meu pai.

[10]Entón Reuel entregoulle a Tobías a súa esposa Sárah, e a metade dos seus bens, criados, criadas, bois e ovellas, asnos e camelos, vestidos, prata e obxectos diversos. [11]E deixounos saír moi ledos. Saudou a Tobías nestes termos: –Pórtate ben, fillo, e que teñas boa viaxe. Que o Señor do ceo vos guíe, a ti e á túa muller Sárah, e que eu poida ver os vosos fillos antes de morrer.

[12]E á súa filla Sárah díxolle: –Vai á casa do teu sogro, pois desde agora son os teus pais, como os que che deron a vida. Vai en paz, filla, e que sempre oia falar ben de ti mentres viva.

[13]Ednah, á súa vez, dixo a Tobías: –Fillo e irmán moi querido, que o Señor te conduza e que eu poida vivir e ver os teus fillos e de Sárah antes de morrer. Na presenza do Señor, confío a miña filla aos teus coidados. Non a contristes ningún día da túa vida. Fillo, vai en paz. Desde agora eu son a túa nai e Sárah a túa irmá. Sede felices ti e ela xuntos durante todos os días da vosa vida.

Despois ela deulles unha gran aperta aos dous e deixounos saír cheos de felicidade. [14]Deste xeito saíu Tobías da casa de Reuel feliz e ledo, bendicindo ao Señor do ceo e da terra, o Rei do universo, por proporcionar un bo éxito na súa viaxe. E loou a Reuel e Ednah, súa muller, e díxolles: –Que poida eu honrarvos todos os días da miña vida.

### Curación de Tobit

**11** [1]Como xa se aproximaban a Acrim, diante de Nínive, Rafael dixo: [2]–Ti sabes ben en que situación deixamos a teu pai. [3]Imos, pois, adiantarnos á túa muller para preparar a casa mentres chegan os demais.

[4]E marcharon os dous xuntos. Rafael dixéralle a Tobías: –Garda o fel e lévao na man.

O can seguiu detrás deles. [5]Ana estaba sentada, ollando o camiño por onde tiña que vir seu fillo. [6]Viuno vir ao lonxe e díxolle ao pai: –Alí vén o teu fillo co seu compañeiro.

[7]Rafael díxolle a Tobías antes de que chegase onda o pai: –Eu sei que os ollos de teu pai se abrirán. [8]Aplícalle o fel do peixe sobre eles: o remedio fará que as nubes que ten, salten e desaparezan os leucomas; entón teu pai recobrará a vista e verá a luz.

[9]Ana correu para abrazarse no fillo e díxolle: –Vólvote ver, meu fillo. Agora xa podo morrer.

E botou a chorar. [10]Tobit levantouse e, cambaleando, saíu pola porta do patio. [11]Tobías correu ao seu encontro, co fel do peixe na man, soproulle nos ollos e, apreixándoo, díxolle: –Bo ánimo, papá.

[12]Despois coas dúas mans fíxolle saltar os leucomas dos ollos. [13]Entón Tobit botouse ao seu pescozo chorando, e díxolle: –Vólvote ver, fillo, luz dos meus ollos.

[14]Logo dixo:

Bendito sexa Deus.
Bendito o seu nome grande.
Benditos sexan todos os seus anxos.

**10**, 14 A derradeira parte deste v. está, ao parecer, fóra do seu sitio, pois Reuel xa se despedira.

**11**, 1 Localidade non identificada.
**11**, 4 Para a Vulgata, o can vai diante movendo o rabo.

Que o seu nome grande sexa sobre nós.
Benditos sexan todos os seus anxos
por todos os séculos.
Pois o Señor, que me ferira,
permíteme agora ver o meu fillo Tobías.

15Tobías entrou na casa moi feliz; bendicindo a Deus en alta voz. Explicoulle ao seu pai o gran éxito da súa viaxe, como traía toda a prata e tamén como casara con Sárah, a filla de Reuel, próxima a chegar, pois xa se encontra ás portas de Nínive. 16Tobit, contento e loando a Deus, saíu ao encontro de súa nora cara ás portas de Nínive. Cando as xentes de Nínive o viron marchar e dar voltas con plena saúde, sen que ninguén o guiase, marabilláronse. Tobit pregoou diante deles que Deus tivera mágoa del, abríndolle de novo os ollos. 17Chegado xunto a Sárah, a muller de seu fillo, Tobit, bendiciuna nestes termos: –Sexas benvida, filla. Bendito sexa o teu Deus, que te trouxo onda nós, filla. Bendito sexa teu pai. Bendito sexa o meu fillo, Tobías, e bendita ti, filla. Entra na túa casa; sexas moi benvida, para ti a bendición e a ledicia; entra, filla.

18Nese día houbo gran gozo entre os xudeus de Nínive. 19Ahicar e Nasbás, os sobriños de Tobit, viñeron tamén onda el, cheos de felicidade.

### Rafael dixo quen era e foise

**12** 1Rematados os festexos da voda, Tobit chamou polo seu fillo Tobías e díxolle: –Fillo querido, disponte a pagar o salario do teu compañeiro de rota, engadindo algunha cousa".

2El contestoulle: –Papá, canto lle teño que dar? Aínda que lle dea a metade dos meus bens, non fago demais. 3Levoume san e salvo, curou a miña muller, recuperou a prata, e curoute a ti tamén. Despois de todo isto, cal pode ser o seu salario?

4Tobit díxolle: –Filliño, é moi xusto que leve a metade de todo canto trouxo.

5Tobías chamouno e díxolle: –Colle como salario a metade de todo o que trouxeches e vai en paz.

6Entón Rafael tomounos aos dous a parte e manifestoulles: –Bendicide a Deus e celebrádeo diante de todos os viventes polo que fixo convosco. É bo bendicir e cantar o seu nome. Facede coñecer a todos os homes as marabillas de Deus, como se merece. Non sexades neglixentes en cantalas. 7É bo ter oculto o segredo do rei, mais as obras de Deus é bo pregoalas e revelalas. Celebrádeas, pois, como elas merecen. Facede o ben e non vos atinxirá a desgraza. 8Máis vale a oración con verdade e a esmola xusta ca a riqueza con inxustiza. Máis vale facer esmola que amontoar ouro. 9A esmola libra das tebras da morte e limpa de todo pecado e da inxustiza. Os que fan esmola veranse saciados de vida; 10os que cometen pecado e inxustiza son inimigos de si mesmos.

11Agora vouvos dicir toda a verdade sen nada calar. Acabo de vos dicir: "É bo esconder o segredo do rei e revelar con toda claridade as obras de Deus". 12Pois ben, cando ti rezabas, o mesmo ca Sárah, era eu quen presentaba as vosas oracións diante da gloria do Señor, e da mesma maneira cando ti enterrabas os mortos. 13Cando non dubidabas en erguerte e deixar a comida para ires enterrar o morto, foi entón cando fun mandado onda ti para te poñer a proba. 14Mais ao mesmo tempo envioume Deus para curarte, o mesmo ca á túa nora, Sárah. 15Eu son Rafael, un dos sete anxos que están diante da gloria de Deus e entran na súa presenza.

16Ambos a dous, abraiados, caeron rostro a terra, cheos de santo temor. 17Pero el díxolles: –Non temades. A paz sexa convosco. Bendicide a Deus por sempre. 18Cando estaba convosco, non se trataba de ningunha cousa miña, senón da vontade de Deus. É a El a quen debedes loar ao longo de toda a vosa vida, é a El a quen debedes cantar. 19Vós vedes agora que eu non comía nada, senón que tiñades unha visión. 20Bendicide, pois, ao Señor neste mundo e celebrade a Deus. Eu retorno agora ao que me mandou. Escribide todo canto vos ocorreu.

**11**, 15 Non a pleno corpo ("soma"), senón a plena voz (stoma). En grego "sôma" pode confundirse facilmente con "stoma". O texto longo pon "soma"; pero debe preferirse a lectura máis curta, que emprega "stoma".

**12**, 8 Este versículo condensa en poucas palabras toda a moral cristiá.

**12**, 12 "Presentar oracións", ou "facer memorial", na Biblia, abarca moitas cousas: invocación a Deus, ou sexa, oración, sacrificio, festa, as obras boas..., que fan que o Señor se lembre dos xustos para o seu ben.

**12**, 15 Aquí fálase de sete anxos. Só nos libros apócrifos aparece toda a lista completa. A Biblia nomea soamente a Miguel, Rafael e Gabriel.

**12**, 19 *"...eu non comía nada"*: "non necesito comer, son só espírito...; e vós vedes unha aparencia de corpo..."

**12**, 20 E o anxo elevouse ata o ceo, de onde baixara. A impresión de Tobit, xunto coa súa familia, é a mesma de todo vidente: asombro, santo temor, explosión de xúbilo, cantos de loanza.

E elevouse, [21]e eles, por moito que ollaron cara ao ceo, xa non o viron. [22]Bendicían e cantaban a Deus e celebrábano por todas as grandes obras que fixera por medio da aparición dun anxo.

**Cántico de Tobit**

**13** [1]E Tobit dixo:
Bendito sexa por sempre
o Deus vivo,
bendito o seu reino.
[2]El é o que castiga e ten misericordia.
El fai baixar ata a morada dos mortos,
nas profundidades da terra,
e despois levanta de novo
da gran perdición.
Ninguén pode escapar da súa man.

[3]Celebrádeo, fillos de Israel,
diante das nacións,
entre as que El vos dispersou.
[4]Fíxovos ver alí a súa grandeza.
Exaltádeo perante todos os viventes,
pois El é o noso Señor,
o noso Deus, o noso Pai.
El é Deus por todos os séculos.
[5]El castigouvos polas vosas iniquidades,
pero volverase compadecer
novamente de todos vós
e recolleravos de entre todas as nacións
por onde fostes dispersados.
[6]Ó día en que volvades a El,
con todo o voso corazón e todo o voso ser
para obrardes
segundo a verdade diante del,
entón El volverá a vós
e non vos ocultará o seu rostro.
[7]E agora pensade o que fixo por vós
e celebrádeo a plena voz.
Bendicide ao Señor da xustiza
e exaltade ao Rei dos séculos.
[8]Pola miña parte, eu celébroo na terra
á que fun deportado.
Anuncio a súa grandeza e o seu poder
a unha nación pecadora.
Convertédevos, pecadores,
obrade rectamente na súa presenza.
Poida que teña compaixón
e vos acolla con misericordia.
[9]Eu enxalzo o meu Deus
e exulto, cheo de ledicia, no Rei do ceo.
[10]Que todos proclamen a súa grandeza
e o celebren en Xerusalén.
Xerusalén, cidade santa,
Deus castigoute
polas obras dos teus fillos,
mais de novo hase compadecer
do pobo xusto.
[11]Celebra ao Señor como é debido
e bendí ao Rei dos séculos
para que o seu templo
sexa reconstruído en ti con ledicia.
[12]Que encha en ti de gozo
a todos os deportados
e que ame en ti a todos os desgraciados
polos séculos dos séculos.

[13]Unha viva luz alumará
ata os confíns da terra.
Virán a ti de lonxe pobos en gran número,
e habitantes de todos os extremos da terra
virán cara ao teu santo nome,
coas mans cheas de ofrendas
para o Rei do ceo.
Xeracións e xeracións
encherán o teu corazón de xúbilo
e o nome da Elixida durará sempre.

[14]Malditos cantos falen de ti duramente.
Malditos os que te destrúan
e derruben os teus muros,
todos os que abatan as túas torres
e queimen as túas casas.
E benditos para sempre os que te teman.
[15]Vai, rebrinca de gozo a causa dos xustos,
pois serán xuntados todos
e bendicirán ao Señor dos séculos.

Ditosos os que te amen.
Ditosos cantos se gocen na túa paz.
[16]Ditosos os que se vexan aflixidos
por amor a ti,
a causa dos teus castigos,
pois gozarán en ti e verán
toda a túa ledicia por sempre.
Si, eu bendigo ao Señor, o gran Rei,
[17]porque reconstruirá Xerusalén
e nela o seu templo polos séculos.

Feliz de min,
se queda alguén da miña raza
para ver a túa gloria
e celebrar o Rei do ceo.
As portas de Xerusalén serán reconstruídas

**13**, 2 Comezo do cántico de ledicia e acción de grazas. Canta as grandezas da divina Providencia, as súas bondades con Israel, e revela cousas futuras en favor de Xerusalén, e de todo o mundo a través da cidade Santa.

**13**, 10ss O exilio é cousa provisional. A esperanza de retornar á casa de Deus, a nostalxia por Xerusalén, polo seu culto doutros tempos (cf **1**, 4. 6-7; **5**, 14), verase satisfeita cumpridamente no día da reconciliación dos pobos da terra.

con zafiros e esmeraldas
e todos os seus muros con pedras preciosas.
As torres de Xerusalén
serán edificadas con ouro
e os seus baluartes con ouro fino.
As rúas de Xerusalén serán pavimentadas
con rubís e pedras de Ufir.
[18]As portas de Xerusalén
entoarán himnos de ledicia
e todas as súas casas cantarán:
Aleluia, bendito sexa o Deus de Israel!
E os elixidos loarán
o seu santo nome eternamente.

**14** [1]Así rematou Tobit o seu canto de agradecemento.

### Morte de Tobit

[2]Tobit morreu en paz á idade de cento doce anos e foi enterrado con magnificencia en Nínive. Pasaran xa sesenta e dous anos desde que perdera a vista; desde que a recobrou, viviu na abundancia e fixo esmolas, bendicindo sempre a Deus e celebrando a súa grandeza. [3]A punto de morrer, chamou o seu fillo Tobías e deulle as seguintes instrucións:

[4]–Fillo, leva lixeiro os teus nenos a Media; pois eu creo na palabra de Deus ao profeta Nahum contra Nínive: todo se realizará e abaterá sobre Asur e Nínive; todo canto din os profetas de Israel, enviados de Deus, hase cumprir. Nada se quitará de todas as palabras, e todo se cumprirá no seu tempo. En Media vivirase en máis seguridade do que en Asiria ou Babilonia. Pois eu sei e creo que todo canto dixo Deus se cumprirá, realizarase: non se deixará de cumprir unha soa palabra dos profetas. Os nosos irmáns que habitan na terra de Israel serán empadroados e deportados lonxe desta terra feliz. Toda a terra de Israel quedará deserta, Samaria e Xerusalén quedarán desertas e o templo de Deus verase tamén desolado e queimado polas chamas durante algún tempo. [5]Pero de novo terá Deus compaixón e faraos volver á súa terra de Israel. De novo construirán o seu templo, mais non coma o primeiro, ata que se cumpran os tempos fixados. Despois disto, volverán todos do seu desterro e reconstruirán esplendidamente Xerusalén. A casa de Deus será aí reconstruída segundo o que dela dixeron os profetas de Israel. [6]Todos, en todas as nacións da terra enteira, virán e crerán en Deus en toda verdade. Todos abandonarán os seus ídolos mentireiros, que os extraviaban no seu erro, e bendicirán na xustiza ao Señor dos séculos. [7]Todos os fillos de Israel, que serán salvos naqueles días por se lembraren do Señor na verdade, xuntaranse e virán a Xerusalén. Habitarán por sempre con seguridade na terra de Abraham que lles será devolta. Os que amen a Deus na verdade alegraranse, mais os que cometan o pecado e a iniquidade serán borrados da terra.

[8]E agora, fillos, velaquí as miñas instrucións: servide a Deus na verdade e facede o que lle sexa grato. Mandade aos vosos fillos practicar a xustiza e a esmola, lembrarse de Deus e de bendicir o seu nome en todo tempo, na verdade e con toda a súa alma. [9]En canto a ti, fillo, vaite de Nínive, non sigas aquí. Despois de sepultares a túa nai onda min, non pases nin sequera unha noite no territorio desta cidade. Pois eu estouno vendo; hai aquí moita iniquidade e cométense nela grandes inxustizas, sen que ninguén se avergoñe. [10]Considera, fillo, canto Nasbás lle fixo ao seu pai adoptivo, Ahicar: Non o fixo baixar vivo ao corazón da terra? Mais Deus vingou a infamia baixo a mirada da vítima: Ahicar saíu á luz, mentres que Nasbás entrou nas tebras eternas, por querer matar a Ahicar. Mais este, debido ás súas esmolas, escapou da trampa mortal que lle tendera Nasbás, quen quedou prendido na rede que foi a súa ruína. [11]Así, pois, fillos queridos, vede o froito que dá a esmola e o que produce a iniquidade –esta produce a morte–. Pero váiseme a vida...

Deitárono no seu leito e morreu. E foi enterrado con gran solemnidade.

### Epílogo

[12]Morta tamén a nai, enterrouna Tobías co pai. Despois saíu coa súa muller para Media e habitou en Ecbátana co seu sogro Reuel. [13]Colmou de atencións aos seus sogros na súa vellez. Enterrounos en Ecbátana de Media, e herdou o patrimonio de Reuel, o mesmo ca o de seu pai, Tobit. [14]Morreu moi estimado á idade de cento dezasete anos. [15]Coñeceu, antes de morrer, a ruína de Nínive e viu chegar a Media os ninivitas deportados por Ciaxares, rei de Media. Bendiciu ao Señor por todo o que fixera ás xentes de Nínive e de Asur. Alegrouse antes de morrer da sorte de Nínive, e bendiciu ao Señor Deus polos séculos dos séculos. Amén.

**14**, 3-11 Segundo "testamento" de Tobit, con parte apocalíptica e parte profética e ética. Recorda as regras esenciais de conduta.

**14**, 6 Isto vai para os xentís, pois fala da conversión de todas as nacións.

# INTRODUCIÓN A XUDIT

## 1. O texto do libro e a súa condición canónica

1.1. *O texto orixinal do* Libro de Xudit *foi escrito nunha lingua semítica –probablemente o hebreo–, como se deduce da semántica das palabras e da construción das frases. Ese texto hebreo perdeuse, e os textos hebreos medievais son traducións da Vulgata latina, como se ve nas transcricións dos nomes propios latinos á lingua hebrea.*

*O texto máis antigo que temos hoxe é o grego, do que existen tres recensións distintas: a) a común, representada polos códices Vaticano (B), Sinaítico (S) e Alexandrino (A); b) a luciánica, testemuñada, entre outros, polos papiros 19 e 108, da que depende a Héxapla de Oríxenes; e c) a recensión representada polo papiro 58, da que depende a Vetus Latina e, en parte, a Vulgata, e tamén a Pesitta (versión siria). O texto máis antigo é Xdt* ***15****, 1-6, da segunda metade do século III d. C., e pertence á recensión grega común.*

1.2. *Este libro non forma parte da Biblia hebrea, polo que os protestantes o consideran apócrifo. Con todo, o Sínodo Romano do ano 382 recoñeceuno como canónico, mentres que na Igrexa oriental non chegou a atinxir tal categoría ata o Concilio celebrado en Constantinopla no ano 692.*

## 2. Xénero literario e tempo de composición

*A impresión que produce, a primeira vista, a lectura de Xudit, é que se trata dun relato histórico. Non obstante, ao ver a diferenza existente entre a historiografía de 1-2 Sam, 1-2 Re e 1-2 Cro e a de Xudit, a aparencia de xénero histórico vénse abaixo.*

*Unha observación máis atenta e crítica dos datos que nos ofrece fai imposible a consideración histórica, aínda que a devandita obra arrinque dun episodio da historia de Xudá. O autor, ou descoñece ou non lle interesan no sentido real os personaxes dos que fala nin a xeografía do Medio Oriente. No caso contrario, non diría, por exemplo, que Nabucodonosor é rei de Asiria ou de Nínive (cf* ***1****, 1. 7;* ***2****, 1. 4). Ademais, cando Nabucodonosor comezou a reinar en Babilonia (no ano 605), xa seu pai Nabopolasar e mais o rei medo Ciaxares arrasaran Nínive (ano 612), e xa o imperio asirio quedara desfeito, polas vitorias do mesmo Nabopolasar (ano 609). Nabucodonosor foi quen conquistou Xudá e Xerusalén no ano 597, deportando ao rei Ioaquín e aos notables da cidade, e quen arrasou a cidade e mais o templo no ano 587, para rematar con outra deportación nos anos 582/1. Pero estes datos son incompatibles co feito de que o pobo estea xa de volta do desterro (cf* ***4****, 3), o que acontece no 538, vinte e catro anos despois da morte de Nabucodonosor. Por outra banda, o templo foi reconstruído e inaugurado no 515, no reinado de Darío I (****4****, 3), como xesto de bo entendemento dos persas cos pobos que estiveran sometidos aos caldeos, política que continuaron durante o seu dominio, o que fai dubidar da historicidade do castigo que presenta o libro de Xudit (cf* ***4****, 1-3).*

*Para coñecer a data de composición e o xénero literario, cómpre deterse na fraseoloxía da obra para albiscar as institucións das diferentes épocas posibles. As institucións e a vida do período persa aparecen nas expresións "O Deus do Ceo" (****5****, 8) e "poñer a disposición a terra e a auga" (cf* ***2****, 7). Os inimigos invasores son os persas (cf* ***16****, 10). Holofernes era un xeneral do rei persa Artaxerxes III Ocos (359/8-338/7), que realizou unha campaña militar contra Exipto; mentres que Bágoas era un conselleiro deste rei, segundo o informe de Diodoro de Sicilia (XVI, 47; XXXI, 19). Ao dicir de Eusebio, aquel rei persa deportou aos xudeus de Hircania (sen dúbida co gallo da campaña contra Exipto), e, por esta razón, Sulpicio Severo sitúa o episodio de Betulia no reinado de Artaxerxes III Ocos. Segundo o devandito Diodoro de Sicilia, Holofernes non tivo un remate fatal nas campañas de Exipto, senón que chegou a ser sátrapa de Capadocia, e os seus sucesores levaron o título de reis.*

*O máis probable é que nas campañas de Artaxerxes III Ocos contra Exipto, dirixidas por Holofernes e Bágoas, algún grupo marxinal e de protección do núcleo do exército sufrise un infortunio e que, en época posterior, para magnificar o feito, se cambiase o nome descoñecido do militar persa polo do xeneral que dirixía as tropas.*

*Ademais destas resonancias persas, aparecen referencias aos costumes e estruturas sociais gregas seléucidas: a "guerousía" de Xerusalén (****11****, 14;* ***15****, 18), o emprego de*

*"coroas" (**3**, 7; **15**, 13), e a política relixiosa seléucida de destrución dos cultos locais (**3**, 8; **9**, 8), que contrasta co respecto dos persas á relixión dos pobos sometidos a eles. Por outra banda, os reis persas nunca tiveron pretensións divinas (cf Dn **3**, 2. 4. 96, na versión dos LXX), ao revés dos emperadores seléucidas, en especial Antíoco IV Epífanes.*

*Tendo en conta todas estas consideracións, a data máis probable de composición do libro é a de mediados do século II a. C., durante a persecución relixiosa de Antíoco IV (entre o 167 e o 164).*

*O xénero literario é un tanto complexo, pois hai no texto sinais claros dun midrax hagádico, que actualiza a tradición (ou o texto) da época persa, e que desenvolve a mensaxe do dinamismo salvífico da fe. A oración de lamentación de Xudit e o seu rexeitamento das decisións asumidas por Ozías e polos anciáns da cidade non teñen outra razón de ser que resaltar a fe desta xudía no poder salvífico de Deus, e a esperanza que tiña no cumprimento das súas promesas.*

*Ao xénero literario midráxico, engádese outro de tipo apocalíptico, a xulgar polos elementos que aparecen ao longo do libro:*

*Aínda que non se empregue un pseudónimo no encabezamento, dáse, con todo, no título, unha pseudonimia simbólica: Xudit (lit. "Iehudit"), é un nome hebreo que significa "xudía", "muller xudía". Xudit vén sendo un símbolo do pobo que, cheo de fe e de esperanza no auxilio de Deus, loita con medios desproporcionados contra o reino do Maligno.*

*O proxecto de Xudit é algo que recibe de Deus e que mantén escondido (Xud **8**, 34), algo así coma o misterio que o apocalíptico recibe ao entrar no mundo celeste.*

*O sistema simbólico de Xudit non está baseado na mitoloxía, senón que arrinca dunha tradición que se vai formando co tempo. Así, Nabucodonosor é o prototipo do rei inimigo do pobo de Deus, pois destrúe Xerusalén e mais o templo, deportando aos xudeus máis importantes. Ao mesmo tempo, precisa aparecer como rei asirio sen selo, pois o imperio asirio destacara pola súa crueldade ao longo de toda a historia antiga, asoballando aos outros pobos ata facelos desaparecer, cousa que logrou co reino de Israel, e que intentou –sen conseguilo– con Xudá.*

*A cidade de Betulia é un lugar sen identificar, polo que entra tamén neste contexto simbólico, especialmente tendo en conta que significa "Casa para Iavé", "Templo para Iavé", nome críptico alusivo a Xerusalén e ao templo, que só se defende coa fe. O autor refírese a miúdo ás dúas institucións (cf **4**, 2-3; **5**, 19; **8**, 21-24; **9**, 8. 13...).*

*Nunha lectura atenta do libro, obsérvase o sucederse harmónico de planos, producindo uns efectos case escénicos, o que é propio da apocalíptica (cf Introd. á Apocalipse).*

*Non hai dúbida de que no libro de Xudit se atopa de forma clara a loita do Maligno (personificado en Nabucodonosor e Holofernes) contra o pobo de Deus (Xudá e mais o templo de Xerusalén, tipificados en Betulia). O pobo, probado por Deus (**8**, 26-27), ábrese agora a un novo período salvífico da súa historia (**19**, 1-16. 25).*

*Outra das características do libro de Xudit, concordes coa apocalíptica, é a superación dos lindeiros do pobo xudeu para a salvación: asegúrase a salvación de Xerusalén na heterodoxa Samaria, e a esta salvación asóciase o pobo amonita de Ahior, ou Ahicar, quen cre no dinamismo salvífico da fe dos hebreos a través da historia.*

*Certo que non se pode cualificar este libro como unha apocalipse desenvolta ao máximo; mais danse nel unha boa parte dos elementos da apocalíptica, cousa nada estraña se temos en conta que a data de composición do libro (160-150 a. C.) é a época do xurdimento deste xénero literario.*

### 3. A moral de Xudit e a teoloxía do libro

*Desde o punto de vista cristián, o libro de Xudit presenta unha grave dificultade moral, pois non se pode facer o que está mal para acadar os bens; pero hai que ter en conta que os xéneros literarios do midrax hagádico e da apocalipse, non pretenden dar lecións de tipo moral, senón teolóxico. A gran lección que o midrax quere ofrecer é a do valor salvífico e liberador que ten a fe e a confianza en Deus, o mesmo ca o valor da oración do pobo de Deus (pois Xudit significa "a xudía", o pobo xudeu: cf par. 2).*

*Por outra banda, esta salvación xa non é algo exclusivo do pobo xudeu, senón que abrangue aos pagáns que confían no Deus de Israel, coma o amonita Ahior ou Ahicar.*

*Tamén hai que ter en conta o carácter apocalíptico que se acocha na figura de Xudit: viúva (**8**, 4), dedicada á penitencia e ao xaxún (**8**, 5), e mais á piedade (**8**, 8) e á observancia da lei (**8**, 6). Reprende ás autoridades da cidade, por asumiren unha decisión*

*ignorando os segredos do corazón humano e os segredos de Deus (**8**, 13-14). Estes segredos cre coñecelos ela (**11**, 19), pois a meditación reflexiva sobre as tradicións antigas (**8**, 26-27) é propia dunha apocalíptica que coñece –por reflexión meditativa e por reflexión sobre a Sagrada Escritura–, os segredos do porvir (cf **8**, 32-34).*

*A personalidade de Xudit impresiona pola súa serenidade, valentía, habilidade na fala e prudencia no seu consello, ademais da súa dimensión de fe. Unha personalidade deste xeito foi o ideal do humanismo xudeu.*

## 4. A interpretación mariolóxica de Xudit

*É algo bastante serodio na tradición católica. Certo que é lexítimo, cando se queren enxalzar as virtudes da Virxe María e a súa adhesión á acción salvadora de Xesús, buscar un precedente doutra muller ou mulleres que colaboraron á salvación do pobo de Deus. Neste caso, en ambos os dous textos aparecen comportamentos proféticos (cf Lc **1**, 46ss), e nos dous casos é unha muller a protagonista que, coa súa fe e obediencia a Deus, colabora co pobo xudeu para acadar unha salvación aberta a todos os pobos.*

# XUDIT

## I. A CAMPAÑA DE HOLOFERNES

### Nabucodonosor e Arfaxad

**1** [1]No ano doce do reino de Nabucodonosor, que reinou sobre os asirios na gran cidade de Nínive; no tempo de Arfaxad, que reinou sobre os medos en Ecbátana, [2]e constrúe arredor de Ecbátana un muro de pedras talladas de tres cóbados de ancho e de seis cóbados de longo, dándolle ao muro unha altura de setenta cóbados e cincuenta de ancho. [3]Levantou tamén onda as portas torres de cen cóbados de alto e sesenta de ancho nos seus alicerces. [4]Construíu tamén portas que tiñan setenta cóbados de alto e corenta de ancho, para facilitar a saída das poderosas forzas e para que os seus infantes puidesen desfilar ordenadamente.

[5]Neste tempo, pois, o rei Nabucodonosor declaroulle a guerra ao rei Arfaxad na gran chaira chamada Ragau. [6]Xuntáronselle todos cantos vivían nas montañas, os que moraban cerca do Éufrates, do Tigris, do Hidaspes, e nas chairas de Arioc, rei de Elam, para combateren aos fillos de Xeleud. Uníronse, pois, moitos pobos. [7]Nabucodonosor, rei dos asirios, despois disto mandou mensaxeiros a todos os habitantes de Persia, a todos os que moraban nas rexións occidentais, a todos os de Cilicia e Damasco, ao Líbano e Antilíbano, aos situados nas rexións marítimas, [8]a todos os pobos do Carmelo e de Galaad, da alta Galilea, e da gran chaira de Esdrelón; [9]a todos os de Samaria e das súas vilas; aos do outro lado do Xordán, ata Xerusalén; na Batanea, Ielús e Cadex; cara ao río de Exipto, Tafnes, Rameses, e toda a terra de Goxén, [10]ata por enriba de Tanis e de Menfis; e a todos os habitantes de Exipto ata os confíns da Etiopía. [11]Mais as xentes de todas estas terras riron co mandado de Nabucodonosor, rei dos asirios, e non quixeron saír canda el para a guerra; pois non lle tiñan ningún medo, xa que aos seus ollos era un home coma eles. Despediron os seus enviados sen acordaren nada e sen lles faceren honra ningunha. [12]Entón Nabucodonosor montou en cólera contra todas esas rexións e xurou polo seu trono e polo seu imperio que se vingaría coa súa espada de todos os habitantes do país de Moab, dos fillos de Amón, de toda a Xudea e de todos cantos estaban esparexidos polo Exipto ata o litoral dos dous mares.

### Campaña contra Arfaxad

[13]Marchou co seu exército contra o rei Arfaxad, no ano dezasete do seu reino. Venceuno no combate e puxo en fuga todo o poder de Arfaxad e toda a súa cabalaría, e todos os seus carros. [14]E apoderouse das súas cidades, chegando ata Ecbátana, apropiándose das súas torres e devastando as súas rúas, e convertendo en ludibrio a súa fermosura. [15]Apresou a Arfaxad nas montañas de Ragau e atravesouno coas súas propias armas, acabando con el ese día. [16]Retornou Nabucodonosor a Nínive con todo o seu exército e con cantos se lle foran xuntando, unha multitude innumerable de guerreiros, e repousou alí durante cento vinte días, xunto co seu exército, dándose á boa vida.

### Campaña occidental

**2** [1]O ano dezaoito, o vinte e dous do primeiro mes, celebrouse un consello no pazo de Nabucodonosor, referente a tomar vinganza contra toda aquela terra, de acordo co xa decretado. [2]Convocou a todos os seus ministros e magnates e expúxolles os seus plans secretos, disposto a poñer por obra a maldade que a súa boca proferira contra esa terra. [3]O parecer de todos foi que se acabase con cantos non quixeron prestar oídos aos decretos do rei.

**1**,1 Non pode referirse ao rei de Babilonia, que reinou entre o 604 e o 562 a. C. Algúns coidan que se trata de Saosduquim, ao que tamén se lle daba o nome de Nabucodonosor, e que reinou nos tempos de Menaxés, rei de Xudá. Con todo, o máis probable é que, tanto o nome de Nabucodonosor, coma a referencia a Asiria, sexan unha tipificación dos inimigos do pobo de Deus e da nación cruel por excelencia (cf Introd. 2.).
A Escritura parece chamar *Arfaxad* a Fraortes, fillo de Dexoces, o que construíra Ecbátana, cidade que fora máis tarde murada polo seu fillo (675-653).

**1**, 6 Trátase das mesetas do Irán occidental. *Elam* designa a Elimaida, provincia do imperio persa. *Hidaspe* (ou quizais Coaspes) é un río da India, que atravesa Xuxán. *Xeleud* (ou Queleul) parece referirse aos caldeos.
**1**, 11 *Rei dos asirios*: cf nota ao v. 1.
**1**, 12 *Xurou... que se vingaría*. O texto grego emprega aquí un hebraísmo que equivale a "heime de vingar", ou mellor, "xurou que se vingaría".
*Ata o litoral dos dous mares*. Esta expresión ten na Biblia un sentido de universalidade, e, neste caso, de dominio case ilimitado (cf Sal **72**, 8; Zac **9**, 10).
**1**, 15 *Ese día*: lit. "ata ese día".

[4]Rematado o consello, Nabucodonosor, rei dos asirios, chamou a Holofernes, xefe supremo do exército, que era o segundo despois del, e díxolle: [5]–Isto ordena o gran rei, o dono de toda a terra: Parte de onda min, leva canda ti homes aguerridos, ata cento vinte mil infantes e doce mil xinetes cos seus cabalos; [6]arremete contra toda a terra occidental, pois desobedeceron a orde da miña boca. [7]Ordénalles que poñan á túa disposición a terra e a auga, xa que no meu furor sairei contra eles e cubrirei toda a face da terra cos pés dos meus soldados, entregándoa ao saqueo; [8]e os seus feridos encherán os barrancos e os torrentes e mais os ríos, que se desbordarán con tantos mortos; [9]e deportareinos ata os confíns da terra. [10]Empeza por ocupar o seu territorio, e, se se renden, resérvamos para o día do castigo; [11]mais para os rebeldes, que non haxa compaixón, que sexan entregados á morte e ao saqueo, en todas as terras que conquistes. [12]Pois, pola miña vida e pola forza do meu imperio, tal como o dixen así o cumprirei pola miña propia man. [13]Ti non deixes de executar nin unha soa palabra do teu señor; fai enteiramente tal como che mando, sen te demorares.

[14]Aínda ben non saíu Holofernes da presenza do seu señor, aconsellouse con todos os magnates, xenerais e capitáns do exército asirio; [15]elixiu os homes máis aptos para a guerra, como llo ordenara o seu señor; uns cento vinte mil homes e doce mil arqueiros a cabalo, [16]e púxoos en orde, como se organizan as multitudes para a guerra. [17]Tomou, ademais, camelos, asnos e burros para a bagaxe e un número incontable de ovellas, bois e cabras, para o avituallamento; [18]provisións abondas para cada home, e así mesmo moito ouro e prata do tesouro do rei. [19]Despois de todo isto, púxose Holofernes en marcha co seu exército; e, adiantándose ao rei Nabucodonosor, cubriu toda a face da terra cos seus carros, xinetes e infantes escollidos, [20]e xuntóuselles unha multitude tan numerosa coma a lagosta, incontable coma o po da terra, tanto que non se podía contar.

**Etapas do exército de Holofernes**

[21]Saíu de Nínive e camiñou durante tres xornadas pola chaira de Bectilez, e asentou o seu campamento desde Bectilez ata cerca da montaña, á esquerda da Cilicia superior. [22]E, tomando todo o seu exército, infantes, cabalos e carros, partiu de alí cara á montaña. [23]Aniquilou a Fud e Lud, devastou a todos os fillos de Rassis e os fillos de Ismael, que habitan á beira do deserto, ao sur de Xeleón, [24]atravesou o Éufrates, percorreu a Mesopotamia, tomou por asalto todas as cidades altas do torrente Abroná e chegou ata o mar. [25]Apoderouse do territorio de Cilicia, derrotando a cantos se lle opuxeron, e chegou ata os confíns de Iafet pola parte do mediodía, fronte a Arabia. [26]E cercou a todos os madianitas e prendeulles lume ás súas tendas e saqueou os seus cortellos. [27]Baixou logo á chaira de Damasco polos días da seitura, incendiou todos os campos, destruíu os seus rabaños e vacadas, saqueou as súas cidades, arrasou as súas campiñas e pasou polo gume da espada a todos os mozos. [28]Un gran temor e tremor apoderouse de toda a costa, dos moradores de Sidón e de Tiro e dos habitantes de Sur e Oquiná, os de Iamnia, Axdod e Axquelón: todos tremían co medo.

**3** [1]E enviáronlle mensaxeiros con proposicións de paz: [2]"Mira, nós somos servos do gran rei Nabucodonosor e prostrámonos diante de ti para que fagas de nós o que queiras. [3]As nosas granxas e todo o noso territorio, os nosos campos de trigo, os nosos rabaños e vacadas e os fatos das ovellas, todo está á túa disposición; dispón de todo segundo te praza. [4]Tamén as nosas cidades cos seus moradores están á túa disposición; fai con todo o que queiras".

[5]Os mensaxeiros chegaron ata Holofernes e comunicáronlle todo isto. [6]Entón el descendeu á beiramar co seu exército, puxo gornicións nas cidades fortes, e delas tomou os mellores homes e enrolounos nas súas tropas. [7]Foi recibido por toda a rexión con coroas, danzas e pandeiros. [8]El devastou o territorio e tallou os bosques sagrados, e mandou

**2**, 4 *Rei dos asirios*: cf **1**, 1.11, e notas aos mesmos.
**2**, 5 Así querían ser chamados os reis de Persia: *dono de toda a terra*. En realidade, pouco lles faltaba para seren dominadores de todo o mundo. Certo que o seu dominio era exercido con sabedoría e tolerancia, e non tiñan pretensións de divindade .
**2**, 23 *Fud e Lud* débense referir á Pisidia e á Lidia, na Asia Menor. *Rassis* aparece na Vulgata como Tárxix. *Os fillos de Ismael* son as tribos árabes.
**2**, 24 Posiblemente desde o río Abroná ata o golfo Pérsico. Non obstante, o uso que o autor fai dos nomes xeográficos non merece demasiado creto (cf Introd. 2).
**2**, 27 *A seitura* da cebada é no mes de abril; e a do trigo, cara á fin de maio. Parece pouco tempo para tanta campaña, tendo en conta que comezara o 22 do primeiro mes.
**3**, 8 O recoñecemento da divindade dos reis, comezou no s. IV a. C. co macedonio Alexandre Magno, e tivo especial incidencia en Palestina nos tempos dos Seléucidas (cf Introd. 2). En troques, Nabucodonosor (604-562) non se considerara como tal, aínda que se lle aplique máis tarde o título de deus.

destruír todos os deuses daquela terra, co fin de que só Nabucodonosor fose adorado por todas as nacións e todas as linguas e tribos o invocasen como deus. [9]Unha vez na chaira de Esdrelón, onda Dotán, fronte á serra de Xudá, [10]acampou entre Gaba e Escitópolis, onde permaneceu un mes, en espera de provisións para o seu exército.

### Alerta en Xudea

**4** [1]Tan pronto os fillos de Israel que vivían en Xudea oíron todo canto Holofernes, xefe supremo do exército de Nabucodonosor, rei dos asirios, lles fixera aos xentís, e como saqueara e destruíra os seus templos, [2]apoderouse deles un medo grandísimo, temendo pola sorte de Xerusalén e polo templo do Señor, o seu Deus, [3]pois aínda acababan de vir da catividade, e había moi pouco que reuniran todo o pobo de Xudea e que consagraran a moblaxe, o altar e o templo, que foran profanados. [4]Puxeron, pois, alerta a toda a rexión de Samaria coas súas aldeas, a Bethorón, Belmain, Iericó, Ioba, Asora e o val de Salem; [5]e ocuparon a tempo as cimas dos montes máis elevados e fortificaron os pobos que neles había e xuntaron provisións con miras á guerra, pois aínda eran recentes as colleitas dos campos. [6]O sumo sacerdote, Ioaquim, que por aqueles días ficaba en Xerusalén escribiu aos habitantes de Betulia e aos de Bet-Omestaim, que está fronte a Esdrelón, á entrada da chaira de onda Dotán, [7]dicíndolles que se fixesen fortes na subida da montaña, pois por aí estaba o acceso á Xudea, e, como era tan estreito que só podían pasar dous homes á vez, que lles sería fácil cortarlles o paso. [8]Os fillos de Israel cumpriron as ordes do sumo sacerdote Ioaquim e do Consello dos Anciáns de todo o pobo de Israel, que tiña a súa sede en Xerusalén.

### Oracións e xaxúns

[9]Todos os israelitas clamaron a Deus, insistíndolle moito con gran fervor e humildade; [10]eles, as súas mulleres e os seus fillos, todos os estranxeiros ou xornaleiros, e mesmo os escravos, vestíronse de saco. [11]Todos os homes, mulleres e nenos de Israel, que vivían en Xerusalén, prostráronse ante o templo, cubriron de cinsa as súas cabezas e mostraron os seus sacos diante do Señor. [12]E revestiron con sacos o altar e berraron todos a unha ao Deus de Israel, pedíndolle que non entregase ao saqueo os seus fillos, as súas mulleres á pillaxe, as cidades da súa herdanza á destrución, nin o santuario á profanación e ao oprobio, para burla dos xentís. [13]O Señor escoitou os seus berros e mirou a súa angustia.

O pobo xaxuou moitos días en toda a Xudea e en Xerusalén, ante o santuario do Señor omnipotente. [14]O sumo sacerdote Ioaquim e cantos estaban diante do Señor e o servían, sacerdotes e ministros do Señor, cinguidos de saco, ofrecían o holocausto perpetuo, [15]e, coa tiara cuberta de cinsa, invocaban ao Señor con todas as súas forzas, pedíndolle que velase por toda a casa de Israel.

### Consello de guerra de Holofernes

**5** [1]Chegou a oídos de Holofernes, mariscal do exército asirio, que os fillos de Israel se preparaban para a guerra; que pecharan os pasos das montañas, que fortificaran os cumes dos montes altos e que puxeran atrancos nas chairas. [2]Isto encolerizouno moito e, chamando a todos os príncipes de Moab, aos xenerais de Amón e a todos os sátrapas da beiramar, [3]faloulles desta maneira: –Dicídeme, fillos de Canaán: que pobo é ese que vive nas montañas, que cidades habita, cal é o número dos seus soldados e en que se basea o seu poder e a súa forza, que rei está a súa fronte e conduce o seu exército, [4]e por que refugan saír ao meu encontro, a diferenza de todos os demais pobos de occidente?

[5]Ahicar, xefe de todos os amonitas, contestoulle: –Escoite o meu señor unha palabra da boca do seu servo e direille a verdade sobre este pobo que mora nesta montaña onda a que te encontras, pois non sairá mentira da boca do teu servo. [6]Este pobo trae a súa orixe dos caldeos. [7]Habitaron primeiro en Mesopotamia; e, por non seguiren os deuses de seus pais, que vivían en Caldea, [8]abandonárona e deixaron o seu culto para adoraren o Deus

**3**, 10 *Escitópolis*: nome grego de Bet-Xeán, pertencente á tribo de Isacar (cf Xos **17**, 1-16; Xuí **1**, 27).
**4**, 4 O autor prescinde da historia, e aplícalle a Nabucodonosor o acontecido con Antíoco IV Epífanes (cf Introd. 2 e nota a **1**, 1). Neste v. dá a impresión de que hai nomes cambiados por algún copista.
**4**, 6 *Ioaquim* aparece na Vulgata co nome de Eliachim. Os dous nomes significan o mesmo, pois El é un nome de Deus, e Io é unha apócope de Iavé.
*Betulia* é o nome que trae a Vulgata, mentres que o texto grego di Baitouloná. A devandita cidade é difícil de identificar. Parece situarse na Samaria, nun lugar clave para o acceso de Xudá, e en concreto a Xerusalén (cf vv. 7-8).
**4**, 8 *O Consello de Anciáns* é unha institución que cobra especial relevancia na época grega.
**4**, 11 Cf **7**, 19; 2 Cro **20**, 3; Est **4**, 15-16; Xon **3**, 4-10.
**5**, 1 *...do exército asirio*: cf **1**, 1. 11; **2**, 4; e as notas correspondentes aos mesmos.
**5**, 5 Como tantas veces na Biblia, un xentil proclama as fazañas de Deus vivo (cf Núm **23**, 5-**24**, 25).

do ceo, o Deus que xa tiñan recoñecido. Este foi o motivo de que os afastasen da presenza dos seus deuses e eles fóronse refuxiar á Mesopotamia, onde residiron por moito tempo. [9]O seu Deus mandounos saír da súa casa e encamiñounos á terra de Canaán, onde se estableceron e enriqueceron con ouro, prata e moitos rabaños. [10]Baixaron despois a Exipto, porque a fame se estendera pola terra de Canaán e permaneceron alí, onde atoparon os alimentos, multiplicándose de xeito que xa non se podían contar. [11]Pero veu un rei de Exipto e alzouse contra eles, oprimíndoos con traballos duros na fabricación de ladrillos, humillándoos e converténdoos en escravos. [12]Invocaron ao seu Deus, que castigou a terra de Exipto con pragas que non tiñan cura, ata que os exipcios os afastaron da súa presenza. [13]O seu Deus enxugou o mar Vermello diante deles [14]e encamiñounos ao Sinaí e a Cadex-Barnea; botaron fóra a todos os moradores do deserto, [15]establecéronse no país dos amorreos e aniquilaron pola forza a todos os habitantes de Hexbón. Cruzaron o Xordán e apoderáronse de toda a montaña; [16]puxeron en fuga diante deles aos cananeos, pericitas, iebuseos, aos xequemitas e a todos os guirgaxitas, e moraron alí por moito tempo. [17]Todo lles foi moi ben, mentres non pecaron contra o seu Deus, pois o Deus que está en medio deles aborrece a inxustiza. [18]Mais cando se arredaron do camiño que lles sinalara, foron destruídos por moitas guerras e levados cativos a unha terra estraña, e o templo do seu Deus viuse arrasado e as súas cidades caeron baixo o poder do inimigo. [19]Mais agora, por se converteren ao seu Deus, retornaron de todos os lugares por onde estiveran esparexidos e apoderáronse de Xerusalén, lugar do seu santuario, establecéndose na montaña, que ficara deserta. [20]Así pois, dono e señor, se hai neste pobo algún delito ou pecado contra o seu Deus, entón subamos, que os derrotaremos. [21]Pero se non hai neles iniquidade, que o meu señor pase de largo, pois pode que o seu Deus os protexa e sexa o seu escudo e nos seriamos a irrisión de toda a terra.

[22]Ditas por Ahicar estas palabras, todo o pobo que se mantiña arredor da tenda, protestou alporizado, e os magnates de Holofernes e os habitantes da costa e de Moab pediron que Ahicar fose esnaquizado: [23]—Nunca lles teremos medo aos fillos de Israel. É un pobo sen forzas para soster unha dura loita. [24]Subamos, que serán presa do teu exército, señor Holofernes.

### Ahicar, nas mans israelitas

**6** [1]Tan pronto cesou o tumulto das xentes que rodeaban o consello, dixo Holofernes, xefe supremo do exército de Asiria, a Ahicar diante de todos os pobos estranxeiros e dos moabitas: [2]—Quen es ti, Ahicar, e quen eses mercenarios de Amón, para nos virdes con profecías e aconsellardes que non loitemos contra esa nación israelita, porque a protexe o seu Deus? Que outro deus hai fóra de Nabucodonosor? Este mandará o seu exército e borraraos da face da terra, sen que o seu Deus os poida librar. [3]Mais nós, os servos de Nabucodonosor, esmagarémolos como a un só home, [4]e non poderán resistir o ímpeto dos nosos xinetes. Varrerémolos. Os seus montes enchouparanse de sangue e as súas chairas cubriranse de cadáveres, e non se poderán manter en pé diante de nós, senón que perecerán a feito, di o rei Nabucodonosor, señor de toda a terra. Falou el e as súas palabras cumpriranse. [5]E polo que a ti toca, Ahicar, mercenario de Amón, que tales discursos pronunciaches neste día, o día da túa insensatez, non volverás ver o meu rostro mentres eu non dea castigado a esa nación dos fuxidos de Exipto. [6]Entón, cando eu volva, a espada dos meus soldados e a lanza dos meus oficiais atravesarán o teu costado e caerás onda os seus feridos. [7]Vante levar agora os meus servidores á montaña e vante deixar nunha das cidades das congostras, [8]e non perecerás ata que sexas exterminado xuntamente con eles. [9]E se para os teus adentros pensas que non nos imos apoderar deles, non esteas amoucado. Pero ten por certo que de canto dixen non deixará de cumprirse nin unha soa palabra.

[10]Despois ordenou Holofernes aos servos que estaban na tenda que agarrasen a Ahicar e o levasen a Betulia, e que llelo entregasen aos israelitas. [11]Os servidores tomárono e sacárono fóra do campamento, á chaira, e desta

**5**, 8 *O Deus do ceo*: expresión típica da época persa para designar a Iavé (cf Introd. 2).
**5**, 13 Aparece aquí, por primeira vez no libro, o nome de mar Vermello.
**5**, 18 Nesta ocasión, o autor si que fala da deportación babilónica do ano 587/6, cando foi arrasado o templo de Xerusalén.
**6**, 1 *Moabitas*. A recensión grega luciánica (cf Introd. 1) le "ammonitas". Con todo, esa variante está pouco representada como para reflectir o texto orixinal.
**6**, 2 Cf nota a **3**, 8.

pasárono á rexión montañosa, ata atinxiren as fontes que hai debaixo de Betulia. [12]Nada máis velos os da cidade, colleron as armas e saíron ao cume do monte e empezaron a tirarlles pedras, sen os deixar subir. [13]Eles, entón, acochándose nas fendas do monte, ataron a Ahicar e abandonárono na ladeira e retornaron onda o seu amo. [14]Os israelitas baixaron da cidade, achegáronse, desatárono e levárono a Betulia e presentárono aos xefes da cidade, [15]que por aquel tempo eran Ozías, fillo de Miqueas, da tribo de Simeón, Abrís, fillo de Gotoniel, e Carmís, fillo de Melquiel. [16]Estes mandaron convocar a todos os anciáns da cidade. Xuntáronse tamén na asemblea todos os mozos e as mulleres, e, posto Ahicar no medio do pobo, preguntoulle Ozías sobre o sucedido. [17]Ahicar respondeu contándolles canto ocorrera no consello de Holofernes: canto dixera ante os oficiais asirios e as fanfurriñadas de Holofernes contra os israelitas.

[18]Entón o pobo prostrouse, adorou o seu Deus e berrou: [19]–Señor, Deus do ceo, olla a fachenda deses e ten piedade de nós, pobo humillado, e mira hoxe os teus consagrados.

[20]Deron, despois, ánimos a Ahicar e loáronno grandemente. [21]E, rematada a asemblea, Ozías levouno á súa casa e ofreceu un banquete aos anciáns. Toda aquela noite estiveron invocando a axuda do Deus de Israel.

## II. O ASEDIO DE BETULIA

### Os asirios atacan Betulia

**7** [1]O día seguinte deu orde Holofernes a todo o seu exército e ás tropas auxiliares de levantar o campamento e atacar Betulia, empezando por ocupar a subida dos montes e abrir as hostilidades contra os israelitas. [2]Preparáronse, pois, todos os homes de armas, en número de cento setenta mil infantes, e doce mil xinetes, ademais dos da intendencia e a gran multitude de homes de a pé que ían canda eles. [3]Acamparon no val, onda Betulia, ao lado da fonte, e despregáronse todo ao longo en dirección a Dotán ata Belmain, e ao longo desde Betulia ata Ciamón, que está en fronte de Esdrelón.

[4]Cando os fillos de Israel viron aquela multitude, cheos de espanto, dixéronse uns aos outros: –Ben seguro que estes van arrasar toda a terra, e nin os altos montes, nin os outeiros, nin os vales, nin os barrancos, poderán aguantar tanto peso.

[5]E tomando cada un as súas armas, acenderon fogueiras nas torres e permaneceron en garda toda a noite.

[6]O segundo día, Holofernes fixo desfilar toda a cabalaría á vista dos fillos de Israel que estaban en Betulia. [7]Explorou as subidas á cidade, inspeccionou as fontes e ocupounas, deixando nelas gornicións de soldados, e volveu xuntarse co seu exército. [8]Entón acercáronselle os príncipes de Esaú, os xefes de Moab e os xenerais do litoral, e dixéronlle: [9]–Escoite o noso señor unha soa palabra e non haberá nin un só ferido no seu exército. [10]Este pobo dos fillos de Israel non confía nas súas lanzas, senón nas alturas dos montes onde viven, certamente difíciles de rubir. [11]Polo tanto, señor, non loites contra eles como en batalla aberta, para que non caia nin un só dos teus. [12]Fica ti no campamento, reserva a todos os teus soldados e déixanos ocupar a fonte que mana ao pé da montaña, [13]pois de aí sacan a auga os de Betulia. A sede mataraos e acabarán por renderche a cidade. Entón nós rubiremos cos nosos a ocupar as alturas dos montes próximos e acamparemos nelas, facendo a garda, e impediremos que saia home ningún. [14]Deste xeito, a fame acabará con homes, mulleres e nenos, e, aínda antes de que os alcance a espada, caerán tendidos polas prazas da cidade. [15]Entón ti daraslles o castigo merecido pola súa malvada conduta, pois non quixeron saír ao teu encontro en son de paz.

[16]Parecéronlle ben estes consellos a Holofernes e a todos os seus oficiais, e ordenou executar ao punto canto se dixera. [17]Os fillos de Amón puxéronse en marcha con cinco mil asirios, acamparon no val e ocuparon as fontes e mananciais dos israelitas. [18]Os edomitas

**6**, 15 Poucas veces aparece na Biblia a tribo de Simeón. O autor de Xudit, en troques, interésase abondo por ela.
**7**, 2 *Cento setenta*. A Vulgata, unificando a partir de **2**, 15, le "cento vinte". A crítica textual favorece a lectura do texto grego.
**7**, 3 Non se sabe se o val de Betulia está dentro dos lindeiros de Simeón ou dos de Zebulón. Parecería lóxico que pertencese a Simeón, tribo que destaca no libro de Xudit.
**7**, 8 Edom, Moab e Amón (cf v. 18) son tres dos inimigos tradicionais de Xudá.

e amonitas, á súa vez, rubiron e acamparon na montaña, fronte a Dotán, e mandaron destacamentos cara ao sur e ao leste, fronte a Ecrebel, onda Cux, sobre o torrente de Mocmur. O resto do exército asirio ficou acampado na chaira, cubrindo todo o terreo. As súas tendas e bagaxes formaban un campamento moi extenso, pois era unha multitude inmensa. [19]Ao vérense cercados os israelitas polo inimigo, sen fuxida posible, suplicaron ao Señor o seu Deus, pois empezaban a perder o ánimo. [20]A infantería, cabalaría e carros do exército asirio mantivo o cerco durante trinta e catro días, de maneira que aos habitantes de Betulia se lles acabou toda a auga, [21]quedaron baldeiras as cisternas, sen que nin un só día puidesen beber a fartar, senón que se lles distribuía a auga con medida. [22]Os nenos aparecían enfraquecidos, as mulleres e mozos desfalecían coa sede e caían sen forza nas rúas da cidade e nos pasos das portas. [23]Entón todo o pobo veu onda Ozías e os príncipes da cidade, os mozos, as mulleres e os nenos, e, dando grandes berros, dicían na presenza dos anciáns: [24]–Que Deus xulgue entre nosoutros e vosoutros, pois cometestes contra nós unha gran inxustiza, ao non tratardes a paz cos fillos de Asur. [25]Agora xa non temos ninguén que nos veña socorrer, senón que Deus nos vendeu e nos entregou nas súas mans para que morramos de sede e nos vexamos nunha desfeita total. [26]Polo tanto, chamádeos e entregádelles a cidade, como botín a Holofernes e a todo o seu exército. [27]Pois vale máis para nós ser entregados ao seu furor, ser os seus escravos, pero seguir vivindo, que ver cos nosos ollos a morte dos nosos fillos e o esmorecemento das nosas mulleres e dos nosos mozos. [28]Conxurámosvos polo ceo, a terra, e o noso Deus e Señor de nosos pais, que nos aflixe polos nosos pecados e os de nosos pais, que escoitedes canto hoxe vos pedimos.

[29]No medio desta gran asemblea elevouse un gran clamor, chorando todos xuntos e suplicando ao seu Señor con grandes berros. [30]Entón díxolles Ozías: –Tede ánimo, irmáns; resistamos outros cinco días máis, a ver se mentres vén sobre nós a misericordia do noso Deus, pois non nos abandonará para sempre. [31]Se nestes días non nos chegan os seus auxilios, farei canto dicides.

[32]E despediu de seguido a xente, mandando a cadaquén ao seu posto, uns aos muros, outros ás torres da cidade, e as mulleres e os nenos ás súas casas. Había en toda a cidade unha gran tristura.

## III. XUDIT

### Xudit, a heroína

**8** [1]Neste tempo coñeceu isto Xudit, filla de Merarí, fillo de Uz, fillo de Xosé, fillo de Uziel, fillo de Alcana, fillo de Hananías, fillo de Guideón, fillo de Rafaím, fillo de Aquitob, fillo de Elías, fillo de Helquías, fillo de Eliab, fillo de Natanael, fillo de Xelumiel, fillo de Saraxadai, fillo de Israel. [2]O seu marido, Menaxés, da súa mesma tribo e familia, morrera polo tempo da seitura da cebada. [3]Estaba á fronte dos que ataban os monllos no campo, cando a forza do sol lle afectou á cabeza, véndose obrigado a se meter na cama, e morreu na súa cidade natal de Betulia; foi enterrado con seus pais no campo que hai entre Dotán e Bel-Amón. [4]Xudit levaba xa tres anos e catro meses de viúva, vivindo na súa casa. [5]Dispuxera un apousento na parte alta da casa, e levaba un saco cinguido ao van, e os seus vestidos eran os da viuvez. [6]Xexuaba todos os días, bardante os sábados e as vixilias dos sábados, as vixilias dos novilunios, das festas e dos días de ledicia da casa de Israel. [7]Era fermosa e moi ben parecida. O seu home Menaxés deixáralle ouro e prata, criados e criadas, gando e terras, e era ela a dona deses bens, [8]e non había ninguén que puidese dicir cousa contra ela, pois o seu temor de Deus era extremo.

### Palabras de Xudit

[9]Chegou a coñecemento de Xudit canto o pobo dixera cheo de amargura diante do xefe da cidade, pola falta da auga. Soubo tamén Xudit todo o que Ozías lles dixera, e como lles xurara que dentro de cinco días entregaría

**7**, 25 A entrega nas mans dos inimigos é o castigo máis frecuente de Deus ao pobo, cando este se comporta mal e non se quere converter.

**8**, 1 *Coñeceu isto*. O contido expúñase no v. 9. *Saraxaddai*. A Vulgata, a Vetus Latina e a versión siríaca len "Simeón, o fillo de Israel" (Xacobe). Sobre o sentido do nome *Xudit* (lit. "Iehudit"), cf Introd. 2).

**8**, 6 No intento de exaltar a figura de Xudit e de poñela como exemplo, sinala que xaxuaba todos os días que non estivese prohibido facelo.

a cidade aos asirios. [10]Entón, mandou a serva que coidaba de todos os seus bens que fose chamar a Abrís e Carmís, anciáns da cidade. [11]Cando chegaron, díxolles: –Escoitádeme, vós que sodes os xefes dos habitantes de Betulia: non está ben o que hoxe falastes diante do pobo, cando interpuxestes entre Deus e vós un xuramento, dicindo que entregabades a cidade aos vosos inimigos se neses días non viña o Señor no voso auxilio. [12]E quen sodes vós para ter o atrevemento de tentar hoxe a Deus desta maneira, substituíndoo en medio dos fillos dos homes? [13]Como é que tentades así o Deus omnipotente? Nunca acabaredes de aprender? [14]Vós que non sodes capaces de esculcar o corazón dos homes, sen penetrar endexamais nos pensamentos do seu espírito, como vides sondar a súa intelixencia e os seus pensamentos? Non, irmáns, non alporicedes ao Señor, o noso Deus. [15]Se non ten a ben socorrernos no prazo de cinco días, sempre ten o poder de nos protexer no día que queira; como de nos deixar perecer diante dos ollos dos nosos inimigos. [16]Así, pois, non tratedes de forzar os designios do Señor, o noso Deus, pois Deus non é coma os homes, que se mova con ameazas, nin coma un fillo de home para lle esixir un deber. [17]Polo contrario, agardemos a salvación que del vén, e pidámoslle que acuda no noso auxilio. Se o ten a ben, oirá a nosa voz. [18]Pois non hai ninguén da nosa raza no día de hoxe, ningunha tribo, familia, liñaxe, ningunha cidade, que adore deuses feitos pola man do home, como ocorreu nos tempos pasados, [19]motivo polo que foron entregados nosos pais á espada e á pillaxe, e se viron perdidamente derrotados polos nosos inimigos. [20]Pero polo que a nós toca, non recoñecemos outro Deus fóra del, de aí a nosa esperanza de que non nos desprezará, nin a nós nin a ninguén da nosa raza. [21]Pois se nós fósemos tomados, toda a Xudea caería connosco, o noso santuario sería saqueado, e sería vingada a profanación que fixesen eles, co noso sangue. [22]Imputaríanos a morte de nosos irmáns, a catividade da nosa raza e a desolación da nosa herdade: todo isto caería sobre a nosa cabeza, no medio das nacións ás que teremos que servir; nas que seriamos a mofa e escarnio dos nosos amos. [23]E a nosa escravitude non nos sería de proveito, antes o Señor, noso Deus, converteríaa en motivo de vergonza. [24]Agora, pois, irmáns, mostrémoslles aos nosos concidadáns que a súa vida depende de nós, e que nós somos o sostén do santuario, do templo e do altar. [25]E ante todo, deámoslle grazas ao Señor, o noso Deus, que nos proba coma a nosos pais. [26]Lembrádevos do que fixo con Abraham, como probou a Isaac, e canto lle ocorreu a Xacob en Mesopotamia de Siria, cando gardaba as ovellas de Labán, irmán de súa nai. [27]Pois, o mesmo que o Señor os probou a eles para sondar os seus corazóns, así tamén agora nos castiga a nós, non certamente para se vingar de nós, senón para reprendernos aos que estamos ao seu servizo.

[28]Ozías respondeulle: –Todo canto dixeches proba a bondade do teu corazón, e non pode haber ninguén que se opoña ás palabras da túa boca. [29]Pois non é hoxe a primeira vez que se manifesta a túa sabedoría, senón que desde o comezo dos teus días, todo o pobo soubo da túa intelixencia e comprendeu as boas disposicións do teu corazón. [30]Mais o pobo sufría moito coa sede, e forzáronnos a facer o que lles diximos, comprometéndonos cun xuramento que xamais non poderemos quebrantar. [31]Agora, pois, pide por nós, ti que es unha muller piadosa; e o Señor mandará a auga para encher as nosas cisternas e así non perezamos.

[32]Xudit respondeu: –Escoitádeme. Vou facer unha cousa que pasará de xeración en xeración en toda a posteridade do noso pobo. [33]Vós estade esta noite á porta da cidade. Eu sairei coa miña serva, e o Señor visitará a Israel pola miña man dentro do intervalo deses días fixados para entregar a cidade aos nosos inimigos. [34]Pola vosa parte, non intentedes saber que é o que vou facer, pois non volo direi ata que o poña por obra.

[35]Ozías e os demais xefes da cidade respondéronlle: –Vai en paz e que o Señor Deus vaia canda ti, a fin de que te vingues dos nosos inimigos.

[36]E deixando a tenda, marchou cada un ao seu posto.

**8**, 16s Os xefes de Betulia semellábanse aos amigos de Xob no feito de tentaren a Deus (cf Xob **34**, 2ss; **38**, 2ss). Xudit pide confianza filial e oración resignada.

**8**, 20 Este v. adianta unha mensaxe que desenvolverá o cristianismo: os padecementos, á luz do misterio salvador de Cristo, son unha proba á que Deus somete ao home, non unha repulsa do ser humano por parte de Deus.

**Pregaria de Xudit**

**9** [1]Xudit prostrouse rostro a terra, botou
cinsa na cabeza, descubriu o saco con
que se cinguira e, á mesma hora en que se
ofrecía o incenso daquela tarde en Xerusa-
lén no templo de Deus, orou ao Señor en voz
alta, dicindo:
[2]Señor, Deus de meu pai Simeón,
na súa man puxeches unha espada
para que se vingase dos estranxeiros
que tiveran o atrevemento
de desatar a cintura dunha virxe,
para a súa deshonra,
que espiron a súa cadeira
para cometeren unha acción vergoñenta,
profanando o seu seo e aldraxándoa.
Contra os teus mandamentos obraron eles,
[3]e foi por iso polo que entregaches
os seus príncipes á morte violenta,
e o seu leito, testemuña dos seus enganos,
ao derramamento de sangue.
Feriches os príncipes xunto cos escravos
e os escravos xunto cos príncipes.
[4]Entregaches as súas mulleres
como botín,
as súas fillas á cativiдade,
todos os seus espolios
para seren repartidos
entre os teus fillos ben queridos,
que se mostraron cheos de celo por ti,
e aborreceron a impureza no seu sangue
e que suplicaron a túa axuda.
Oh Deus, meu Deus,
escóitame tamén na miña viuvez!
[5]Ti es o autor das fazañas pasadas,
das de agora e das que virán despois,
Ti planeas o presente e o futuro,
o que ti queres, faise;
[6]os teus designios preséntanse e din:
"Aquí estamos".
Pois todos os teus camiños
foron preparados
e todos os teus xuízos
encérranse na túa presciencia.
[7]Olla agora para as forzas
que multiplicaron os asirios,
fachendosos dos seus cabalos e xinetes,
fiados dos seus escudos
e das súas lanzas, arcos e tirafondas;
e non saben que ti es o Señor,
que quebrantas as guerras.
[8]O teu nome é Señor.
Desbarata as súas forzas co teu poder;
reprime o seu dominio coa túa cólera,
pois teñen a intención
de profanaren o teu santuario,
lixaren o tabernáculo no que repousa
a gloria do teu nome,
e abateren co ferro os cornos do altar.
[9]Mira o seu orgullo,
fai baixar a túa cólera
sobre as súas cabezas,
e dá forzas á miña man
para que poida executar o que cavilo,
eu que non son máis
ca unha pobre viúva.
[10]Fire pola astucia dos meus beizos
ao que obedece e ao que manda,
ao que goberna e ao que o serve;
quebranta a súa fereza
pola man dunha muller.
[11]Pois a túa forza non está na multitude,
e o teu poder non depende
dos que son poderosos,
pois ti es o Deus dos humildes,
o socorro dos pequenos,
o protector dos que se ven abandonados,
o salvador dos que xa non teñen
outra esperanza.
[12]Si, si, Deus de meu pai,
Deus dese pobo de Israel,
que é a túa herdanza,
Mestre soberano dos ceos e da terra,
Creador das augas,
Rei de todas as túas criaturas,
escoita a miña pregaria.
[13]Dáme unha linguaxe cativadora
para ferir e quebrantar
a eses homes que maquinan
plans aleivosos contra a túa alianza,
contra a casa por ti consagrada,
contra a montaña de Sión,
e contra a casa que habitan os teus fillos.
[14]Fai que todo o teu pobo
e todas as tribos saiban que ti es Iavé,
o Deus de todo poder e de todo imperio,
e que non hai ninguén fóra de ti
que protexa a estirpe de Israel.

**9**, 1 Quizais, preparando a narración da profanación dunha virxe, di Xudit que descubriu o seu saco de penitencia. O autor desta obra pensa moito na limpeza interior e exterior, con miras ao servizo do templo.
**9**, 2 Alusión á vinganza de Simeón e Leví, pola violación da súa irmá Dínah (cf Xén **34**).
**9**, 7 Xudit presenta ao Señor a debilidade do seu pobo, fronte ao gran poder dos seus inimigos, segura de que o poder dos homes é unha miseria ao lado da omnipotencia de Deus, que apoia aos humildes que o aman.

# IV. XUDIT E HOLOFERNES

### Baixa Xudit ao campamento asirio

**10** [1]Rematada a súa pregaria ao Deus de Israel, e ditas estas palabras, [2]levantouse Xudit do lugar onde se prostrara, chamou pola súa serva e baixou á casa na que tiña o costume de pasar os sábados e as festas. [3]Quitou o saco co que se cinguira e os vestidos de viuvez; lavou o corpo con auga e perfumouno cun ungüento delicado; compuxo os seus cabelos e puxo unha fita na cabeza; vestiuse coas roupas de festa, as que levaba cando aínda vivía o seu marido Menaxés. [4]Púxose sandalias, colares, brazaletes, aneis, pendentes e todas as súas xoias, en fin, que se cubriu de todo o máis atractivo para seducir os ollos de cantos homes a visen. [5]Deu logo á súa serva un fol de viño e unha botella de aceite, e encheu o seu saco de tortas de figos e pans puros. Envolveuno todo e deullo tamén á criada.

[6]Entón saíron e camiñaron ata a porta da cidade de Betulia, onde se atoparon con Ozías e cos anciáns da cidade, Abrís e Carmís. [7]Ao vela co seu rostro transfigurado e mudados os vestidos, asombrados da súa beleza, dixéronlle:

[8]–Que o Deus de nosos pais
te favoreza e cumpra canto te propós,
para gloria dos fillos de Israel
e exaltación de Xerusalén.

[9]Ela adorou a Deus e díxolles: –Mandade que me abran a porta da cidade e eu irei poñer por obra iso que me dixestes.

Eles ordenaron aos mozos que lle abrisen a porta, segundo pedía. [10]Así o fixeron e Xudit saíu xunto coa súa serva. Os homes da cidade seguírona coa mirada ata que baixou a montaña e atravesou o val; despois disto xa non a viron máis. [11]Elas seguiron dereitiñas polo val ata que unha avanzada dos asirios lles saíu ao paso. [12]Detivérona e preguntáronlle: –De que pobo es ti? De onde vés e onde vas?

Ela respondeu: –Son unha filla dos hebreos; escapei deles, porque vos serán entregados en presa. [13]Veño presentarme a Holofernes, o xeneralísimo do voso exército, para falarlle a linguaxe da verdade, e expoñer diante del o camiño a seguir para se facer dono de todas esas montañas, sen que pereza ningún dos seus homes.

[14]Aqueles homes, despois de escoitar a súa fala e de contemplar o seu rostro, que lles parecía admirable, dixéronlle: [15]–Salvaches a túa vida ao dáreste présa para vires á presenza do noso señor. Agora, pois, vai á súa tenda, que algúns dos nosos te acompañarán ata que esteas nas súas mans. [16]Cando te vexas na súa presenza, non teñas medo; dille o que a nós nos dixeches e tratarate ben.

[17]E elixiron de entre eles cen homes para que a escoltasen, xunto coa súa serva, e leváronas ata a tenda de Holofernes. [18]A noticia da súa chegada foise correndo por todas as tendas e xuntouse moita xente no campamento. E cada un que chegaba rodeábaa, mentres ela seguía agardando fóra da tenda de Holofernes, en tanto non se informase. [19]Todos se pasmaban da súa beleza e por ela pasmábanse dos israelitas, e dicíanse uns aos outros: –Quen desprezará a este pobo que ten no seu seo tales mulleres? Non convén que quede nin un só home de entre eles; pois un só que quede é capaz de enganar a toda a terra.

[20]Nisto saíron os da escolta persoal de Holofernes e cantos o servían e metérona na tenda. [21]Holofernes estaba repousando no seu leito, baixo un dosel de púrpura e ouro, recamado con esmeraldas e pedras preciosas. [22]Anunciáronlla e saíu ata a parte exterior da súa tenda, precedido de lámpadas de prata. [23]Cando Xudit chegou diante de Holofernes e de cantos o servían, admiraron todos a fermosura da súa faciana. Entón ela prostrouse diante del, rostro en terra, e os servos levantárona.

### Coloquio de Xudit e Holofernes

**11** [1]Holofernes díxolle: –Ánimo, muller, non temas: eu nunca lle fixen mal a ninguén que estea disposto a servir a Nabucodonosor, o rei de toda a terra. [2]Tampouco non levantaría a lanza contra o teu pobo que

**10**, 5 Non se quere contaminar cos alimentos dos incircuncisos, non quere comer alimentos prohibidos pola lei mosaica (cf **11**, 12; Dn **1**, 8ss). Esa beleza especial que Deus dá depende moito da austeridade de vida polo amor do seu nome. A súa é unha fermosura máis espiritual ca carnal. O seu rogo protexeraa de toda contaminación. Ten plena fe no Señor.

**10**, 13 A astucia arteira é moi propia dos tempos de guerra. Aquí trátase, ademais, dunha guerra en defensa de Iavé, do seu templo, de todos aqueles que o aman. A súa linguaxe é a da verdade, pois o seu Deus é a mesma verdade.

habita na montaña, se non se desen ao desprezo: foron eles mesmos os que carrexaron estes males. [3]Agora, pois, dime por que razón escapaches deles para vires a nós. Salvaches a vida esta noite e no sucesivo. [4]Ninguén ousará facerche mal, senón que serás tratada coma o resto dos servidores de Nabucodonosor, o meu rei e señor.

[5]Xudit respondeulle: –Acolle as palabras da túa serva, permitíndome falar na túa presenza. Non lle mentirei ao meu señor esta noite. [6]Se fas caso de canto che vai dicir a túa escrava, Deus levará o asunto a bo termo e non fracasará o meu señor na súa empresa. [7]Pois, pola vida de Nabucodonosor, rei de toda a terra, e polo poder de quen te enviou para endereitar a toda alma vivente, que non só os homes lle serán sometidos, senón que tamén os animais domésticos, e as feras, e as aves do ceo, estarán baixo o dominio de Nabucodonosor e da súa casa. [8]En efecto, chegou ata nós a sona da túa sabedoría e gran intelixencia, e divulgouse na nosa terra que ti es o mellor home de todo o reino, poderoso pola túa ciencia e admirable na maneira de levar a guerra. [9]Chegou ata nós o discurso que Ahicar pronunciou no teu consello e oímos as súas palabras, xa que a xente de Betulia o colleu prisioneiro, e el comunicoulles todo canto falara na túa presenza. [10]Referente a iso, señor e mestre soberano, non despreces as súas palabras, antes gárdaas moi dentro do teu corazón, pois canto dixo é moi certo: a nosa raza non pode ser ferida e a espada non ten ningunha forza contra ela, se eles non pecaron contra o seu Deus. [11]Agora precisamente, para que o meu señor non falle o golpe, antes ben a morte caia sobre eles, deixáronse enredar nun crime polo que o seu Deus se alporizará, unha vez cometida esa tolemia. [12]Como xa lles faltan os víveres e a auga, teñen o propósito de botar man aos animais domésticos, e están dispostos a consumir incluso o que Deus polas súas leis lles prohibiu comer. [13]Decidiron tamén consumir as primicias do trigo, os décimos do viño e do aceite, que, como cousas santas, se reservan para os sacerdotes que asisten en Xerusalén na presenza do noso Deus, e que ningún leigo pode nin tocar coa man. [14]Enviaron mensaxeiros a Xerusalén, e os seus moradores fixeron o mesmo, para pediren permiso ao Consello dos Anciáns. [15]Cando o obteñan e o realicen, nese mesmo momento seranche entregados para a súa ruína. [16]É por isto polo que a túa serva fuxiu deles, sabedora de todas esas cousas. Deus mandoume para que realice en ti cousas das que se pasmarán todos os que as saiban en toda a terra. [17]Pois a túa serva é piadosa e serve ao Deus do ceo día e noite. Quixera, polo tanto, ficar ao teu lado, meu señor, e a túa escrava sairá pola noite para ir ao val, onde pregará a Deus e el dirame cando eles terán cometido o seu pecado.

[18]Eu virei dicircho e entón ti sairás con todo o teu exército, e non haberá nin un só home de entre eles que poida resistir. [19]Eu mesma te guiarei polo medio da Xudea, ata chegar diante de Xerusalén e porei o voso asento no medio desta cidade e conduciralos coma ovellas sen pastor. Nin sequera un can ladrará contra ti. Pois díxoseme todo isto a través dun coñecemento que se me deu das cousas futuras. Isto foime anunciado e fun mandada para comunicarcho.

[20]Moito lles gustaron estas verbas a Holofernes e aos seus oficiais, que, admirados da súa sabedoría, comentaron: [21]–Dun extremo ao outro da terra non hai muller semellante, nin pola beleza do seu rostro, nin pola intelixencia que sae de canto di.

[22]Holofernes díxolle: –Que ben fixo Deus ao mandarte diante do teu pobo e traerte aquí, para que o poder estea nas nosas mans e caia a ruína sobre cantos se mofan do meu señor! [23]Polo que a ti toca, es unha preciosidade e moi discreta nas túas palabras. Se fas canto prometiches, o teu Deus será o meu Deus, e ti terás o teu asento no palacio de Nabucodonosor e serás famosa en toda a terra.

**12** [1]Despois mandou que a conducisen ao lugar onde gardaba a súa vaixela de prata e dispuxo que a servisen na mesa dos seus propios manxares e que lle desen a beber do seu propio viño. [2]Pero Xudit dixo: –Non probarei nada diso, non me vaia servir de quebrantamento; senón que comerei do que trouxen comigo.

[3]Holofernes preguntoulle: –E no caso de que se esgote o que trouxeches ti, de onde che traeremos outros alimentos coma eses?

**11**, 3 Era a anoitecida cando Xudit chegou ao campamento inimigo; de aí que un dos perigos máis grandes era o ser noite.

**11**, 5 Xudit bota man do equívoco. O sentido do que se vai realizar non é o mesmo para quen fala que para o que escoita. Deste xeito, desconcértao.

**11**, 12s O libro do Levítico recolle ao detalle as leis referentes aos alimentos. A necesidade obrigaría ao pobo a quebralas, considerando que, nese caso, o Señor os había de castigar. Pero, en troques, ía procurarlles, sen necesidade de chegar a esa situación, unha vitoria redonda (cf **12**, 4).

Pois entre nós non hai ninguén dos teus.
[4]Xudit respondeulle: –Pola túa vida, meu
señor, que non rematará a túa serva canto
trouxo, antes de que o Señor leve a feliz ter-
mo pola miña man o seu designio.
[5]Entón os ministros de Holofernes acom-
pañárona ata a súa tenda e durmiu ata a me-
dia noite, e ergueuse á hora da vixilia matutina. [6]Mandou este recado a Holofernes: –Que
o meu señor ordene que se lle permita á túa
serva saír para orar.
[7]Holofernes mandou á súa escolta que de
ningunha maneira llo impedisen. Ela per-
maneceu tres días no campamento. Todas as
noites ía ao val de Betulia e lavábase, fóra do
campamento, na fonte das augas. [8]Ao saír da
auga, púñase a rezar ao seu Señor, Deus de
Israel, a fin de que dirixise o seu camiño para
exaltación dos fillos do seu pobo. [9]Despois,
xa limpa, entraba na tenda e agardaba a co-
mida que lle traían pola tarde.

**A noite do triunfo**

[10]Entón chegou o cuarto día e Holofernes
deu un banquete aos seus servidores sos, sen
invitar a ningún dos seus ministros. [11]E díxo-
lle ao eunuco Bágoas: –Vai e persuade a esa
muller hebrea, que está ao teu coidado, para
que veña onda nós, e coma e beba connos-
co. [12]Pois sería unha vergonza que unha tal
muller fose despedida sen troulear con ela.
Se non a conquistásemos, iríase rindo de nós.
[13]Bágoas, saíndo da presenza de Holo-
fernes, entrou no apousento dela e díxolle:
–Non teñas medo, fermosa nena, de ires
onda o meu señor, para seres honrada na súa
presenza, e connosco bebas viño e te enchas
de ledicia, e sexas desde hoxe unha das don-
celas dos asirios, presentes no palacio de Na-
bucodonosor.
[14]Xudit respondeu: –Non contradirei en-
dexamais ao meu señor; antes farei gustosa
canto lle praza e gabareime de obrar así toda
a miña vida.
[15]Entón ergueuse, puxo os vestidos e en-
feites de muller e a súa serva, adiantándose,
estendeu diante de Holofernes o tapiz que
lle dera Bágoas para o seu uso cotián, para
que se recostase nel ao tomar o seu alimento.
[16]Despois entrou Xudit e recostouse nel. O
corazón de Holofernes quedou engaiolado ao
contemplala, e a súa alma encheuse de emo-
ción, e cobizaba vivamente xuntarse con ela;
pois, desde o día que a viu, buscaba a ocasión
de seducila. [17]Holofernes díxolle: –Veña!,
bebe ti tamén e alégrate connosco.
[18]Xudit respondeu: –Si que beberei, Se-
ñor; pois, de todos os días da miña vida, este
é o máis glorioso.
[19]E comeu e bebeu na presenza de Holo-
fernes de todo canto lle preparara a súa serva.
[20]Holofernes alegrouse moito véndoa, e be-
beu moitísimo viño, máis do que endexamais
bebera ningún outro día da súa vida, desde
que nacera.

**13** [1]Chegado o anoitecer, os seus servos
déronse présa en se retiraren e Bágoas
pechou a porta por fóra; mandou saír da pre-
senza do seu señor a todos cantos tiña onda
el. E eles fóronse deitar, pois todos estaban
cansos, debido a que o festín se prolongara
máis da conta. [2]Xudit quedou soa na tenda;
Holofernes ficaba deitado na cama, comple-
tamente borracho. [3]Xudit dixéralle á serva
que se mantivese fóra do cuarto, agardando
a que ela saíse, coma os outros días. Iría, en
efecto, ter a súa oración. Isto tamén o falara
con Bágoas. [4]Cando xa todos se foran, sen
que quedase ninguén, nin pequeno nin gran-
de, Xudit, en pé onda o leito de Holofernes,
orou caladamente:

Oh Señor, Deus todopoderoso!
Pon neste momento os ollos
na obra das miñas mans
para gloria de Xerusalén.
[5]Chegou a hora de coller ánimo
en favor da túa herdade
e de levar a feliz termo
o que comecei para ruína dos inimigos
que se levantaron contra nós.

[6]E, achegándose ata a columna do leito,
que estaba onda a cabeza de Holofernes, des-
colgou a súa espada, [7]e, manténdose en pé
fronte ao leito, agarrou polos cabelos a cabe-
za de Holofernes e dixo: –Dáme forzas, Deus
de Israel, nesta hora.
[8]E, con toda a forza, asestoulle dous gol-
pes no pescozo, e cortoulle a cabeza. [9]Des-
pois fixo rodar o corpo de encima do leito
e arrincou o dosel das columnas. Un pouco
máis tarde saíu e entregou á súa serva a ca-
beza de Holofernes, [10]que a meteu na alforxa
das provisións. Entón saíron as dúas xuntas
como de costume e atravesaron o campa-
mento, rodearon o val, subiron polo monte
de Betulia, chegando ata as portas da cidade.

**12**, 12 *Troulear*. Eufemismo, para non dicir claramente o que se intenta manifestar. O texto grego deixa entender algo máis que "troulear".
**12**, 13 *...dos asirios ... de Nabucodonosor*: cf nota a **1**, 1.

**13**, 4 Ante as grandes decisións, Xudit acode á oración, pois xamais non confiou nas súas propias forzas, senón no poder de Deus, ao que sempre serviu con corazón limpo.

**Xudit mostra a cabeza de Holofernes**

11Xudit, desde lonxe, gritoulles ás sentinelas das portas: –Abride, abride a porta. Deus, o noso Deus, está connosco, disposto a que o seu poder contra os inimigos siga escintilando sobre Israel, tal como fixo hoxe.

12Cando os homes da cidade oíron a súa voz, déronse présa a baixar á porta da súa cidade, e convocaron aos anciáns. 13Todos concorreron, pequenos e grandes, pois parecíalles imposible que puidesen volver, e, abrindo a porta, recibíronas. Acenderon lume para veren e fixeron coro arredor delas. 14Ela díxolles a grandes voces: –Bendicide a Deus, loade, loade a Deus, que non retirou a súa misericordia da casa de Israel; senón que, esta noite, pola miña man, feriu aos nosos inimigos.

15Despois, sacando da alforxa a cabeza, mostróullela, e díxolles: –Velaquí a cabeza de Holofernes, o xefe dos xenerais do exército asirio, e velaquí tamén o dosel baixo do que xacía coa súa bebedela. O señor feriuno pola man dunha muller. 16Viva o Señor, que me gardou no camiño que emprendín. O meu rostro seduciuno para a súa ruína, sen que chegase a realizar comigo vileza ningunha para oprobio.

17Todo o pobo quedou mudo de estupor, e, prostrándose, adoraron a Deus e dixeron todos á vez: –Bendito sexas, noso Deus, que hoxe aniquilaches os inimigos do teu pobo.

18Ozías díxolle: –Bendita sexas ti, filla de Deus Altísimo, máis ca todas as mulleres da terra.

E bendito sexa Deus, o Señor,
creador do ceo e da terra,
que te acompañou
para que ferises a cabeza
do xefe dos nosos inimigos.
19Loarante polos séculos
cantos se lembren desta túa fazaña,
froito da túa confianza
no poder de Deus.
20Faga Deus que isto redunde
no teu favor para eterna gloria,
e móstrese benigno contigo,
por canto non perdoaches
a túa propia vida,
para vingares a nosa ruína,
e pores remedio á pena do teu pobo;
camiñando sempre con rectitude
diante do noso Deus.
E o pobo respondeu: –Amén, amén.

## V. O TRIUNFO

**Os de Betulia apodéranse do campamento inimigo**

**14** 1Xudit díxolles: –Escoitádeme, irmáns: tomade esta cabeza e colgádea nas ameas das vosas murallas; 2e cando a aurora empece a brillar e o sol teña saído sobre a terra, cada un collerá a súa arma, e sairedes todos os homes valentes, co xefe sinalado, coma se quixésedes baixar a campo aberto, do lado da avanzada dos fillos de Asur, mais non baixedes. 3Entón eles collerán as armas e irán ao seu campamento. Espertarán aos prefectos do exército asirio; correrán á tenda de Holofernes. Ao non atopalo, veranse presa do pavor e fuxirán diante de vós. 4Vós, entón, e cantos habitan nas montañas de Israel, seguirédelos ata exterminalos polos camiños. 5Mais, antes de facer todo isto, chamádeme ao amonita Ahicar, a fin de que vexa e recoñeza ao que desprezou a casa de Israel, que o mandou a nós como á morte.

6Fixeron, pois, vir a Ahicar da casa de Ozías. Ao chegar e ver a cabeza de Holofernes nas mans dun dos da asemblea do pobo, caeu a terra sen coñecemento. 7Reanimado de novo, axeonllouse aos pés de Xudit e así prostrado diante dela, dixo: –Bendita ti en todas as tendas de Xudá e en todas as nacións; cantos oian o teu nome encheranse de estupor. 8Agora, pois, dime que foi o que fixeches neses días.

Xudit contoulle, no medio do pobo, todo canto fixera desde o día en que saíra, ata ese mesmo momento en que lles falaba. 9E, rematado o relato, o pobo desatouse en gritos de ledicia. 10Ao ver Ahicar todo canto fixera

**13**, 16 A Vulgata presenta un texto máis longo, nos vv. 20-21, indicando que o Señor lle mandou o seu anxo para librala de toda mancha, facendo uso da súa misericordia.
**13**, 18 A palabra de Deus vai sempre moito máis lonxe ca a materialidade dos vocábulos. A teoloxía cristiá ve neste texto a loanza doutra muller María, que, dando a luz a Xesús, ofrécelle ao mundo un Salvador. Por iso é bendita entre todas as mulleres da terra (cf Lc **1**, 42).
**14**, 2 Cf nota a **1**, 1.
**14**, 10 O pobo de Israel estaba chamado a ser fermento, no sentido espiritual, de todos os demais pobos. A adhesión de Ahicar a Israel significa a integración dos amonitas no pobo de Deus.

o Deus de Israel, creu en Deus de todo corazón, e circuncidou a carne do seu prepucio e uniuse á casa de Israel ata o día de hoxe.
[11]Ao levantarse a aurora, colgaron a cabeza de Holofernes no muro, e todo home de Israel botou man ás súas armas, e saíron en escuadróns, dirixíndose aos camiños que subían ao monte. [12]Os asirios, ao velos, avisaron aos seus xefes, e estes aos xenerais, tribunos e a cantos tiñan mando. [13]Correron á tenda de Holofernes para dárenlle a noticia ao supervisor da súa casa: –Esperta ao noso amo, pois eses escravos atrévense a baixar contra nós para loitaren e atoparen a súa ruína, sen que fique un.
[14]Entón Bágoas entrou e moveu as cortinas da tenda, pois imaxinou que durmía con Xudit. [15]Mais, como non tivo resposta, separou as cortinas e entrou na tenda, e atopouno morto e tendido na entrada, coa cabeza cortada. [16]Deu un gran berro, con xemidos e prantos, e rachou os seus vestidos. [17]Despois entrou na tenda onde paraba Xudit e non a atopou, e correu cara ao pobo, bradando: [18]–Eses escravos saíron coa súa: unha muller dos hebreos encheu de vergonza a casa do rei Nabucodonosor; pois, velaquí a Holofernes xacente no chan, co seu corpo sen cabeza.
[19]Ao oíren isto os xefes do exército de Asur, racharon os seus vestidos, e apoderouse deles un gran terror e levantouse no campamento un gran alarido e clamores.

**15** [1]Cando os que estaban nas tendas souberon o que pasara, enchéronse de estupor. [2]Apoderouse deles un gran pavor e tremor, e xa non se contiña ninguén ao lado do compañeiro; senón que todos se esparexeron e fuxiron por todos os camiños dos campos e dos montes. [3]Tamén se deron á fuga os que tiñan os seus campamentos arredor de Betulia. Neste mesmo intre, todos os guerreiros de entre os fillos de Israel caeron sobre eles. [4]E Ozías mandou ir a Betomaszén, a Bebé, Coba e a Cola, e a todos os confíns de Israel, para que lles anunciase o acaecido, para que se botasen todos contra os inimigos e os exterminasen. [5]Oído isto, todos os israelitas caeron á vez sobre eles e fóronos matando ata Coba. Chegaron tamén os de Xerusalén e de todas as montañas, pois tamén recibiran a noticia de canto lles ocorrera aos inimigos no seu campamento. Os que eran de Galaad e de Galilea tamén lles ocasionaron unha gran ruína, ata que atinxiron Damasco e chegaron aos seus dominios. [6]Outros dos que vivían en Betulia botáronse sobre o campamento dos asirios e saqueárono, apoderándose de moitas riquezas. [7]Despois os israelitas que volveron da matanza colleron canto aínda quedaba e tanto os das vilas coma os das aldeas esparexidas polas montañas e pola chaira, apoderáronse de moitos espolios, pois tratábase dunha cantidade innumerable.

**Acción de grazas**

[8]O sumo sacerdote Ioaquim e o Senado dos fillos de Israel que habitaban en Xerusalén foron contemplar as marabillas realizadas polo Señor en favor de Israel, e para veren a Xudit e saudala con verbas de paz. [9]Chegados á súa presenza, loárona unanimemente e dixeron:

–Ti es a gloria de Israel,
ti o xúbilo de Xerusalén,
ti a honra da nosa raza.
[10]Coa túa man fixeches todo isto,
procuraches a dita a Israel
e Deus foi compracido.
Bendita sexas do Señor omnipotente
por sempre xamais.
E todo o pobo respondeu: –Amén.

[11]Todo o pobo estivo saqueando o campamento durante trinta días, e déronlle a Xudit a tenda de Holofernes e toda a vaixela de prata; os seus leitos e as súas armas e todos os seus mobles. Ela recibiu todo isto e cargouno no seu macho; e, preparados os seus carros, colocouno todo encima. [12]Todas as mulleres de Israel correron a vela e felicitala e, xuntándose en coro, bendicírona. Ela tomou tirsos e distribuínos entre as que a acompañaban. [13]E teceron coroas de oliveira, e tanto ela coma as que con ela estaban, camiñaron diante do pobo. Xudit presidía o coro das mulleres. Seguían todos os homes de Israel con armas e coroas, cantando himnos. [14]Entón Xudit entoou, no medio de todo Israel, este cántico de acción de grazas e todo o pobo repetía os seus loores.

**15**, 10 A Vulgata (no v. 11) atribúe a vitoria á castidade de Xudit: foi por iso polo que o Deus de Israel fortaleceu a súa man.
**15**, 12 *Os tirsos* (cf 2 Mac **10**, 7) eran ramos con follaxe, que se levaban como sinal de vitoria e de ledicia. O costume procedía dos gregos, que os empregaban nos cultos ao deus Dionisos (Baco).
**15**, 14 O cántico da acción de grazas de Xudit inspírase no Salterio e nas distintas vitorias de Israel ao longo dos séculos.

**16** [1]Loade ao meu Deus con tímpanos,
cantade ao meu Señor con címbalos;
entoádelle un salmo novo,
enxalzade e invocade o seu nome.
[2]Porque Deus creba as guerras;
o Señor Deus, que ten o campamento
no medio do seu pobo,
libroume dos que me perseguían.
[3]Veu Asur das montañas de Aquilón,
veu cun exército de moitos miles,
cunha multitude cegaba os torrentes,
cunha cabalaría que cubría os montes.
[4]Resolvera queimar os meus territorios,
matar á espada aos meus mozos,
escachar contra o chan os meus meniños,
ter coma botín os meus nenos,
e arrebatar as miñas virxes.
[5]O Señor omnipotente
desbaratounos pola man dunha muller.
[6]Pois non foi abatido o poderoso
por xente nova,
nin o feriron fillos de titáns,
nin o venceron altos xigantes,
senón Xudit, a filla de Merarí,
engadándoo coa fermosura
do seu rostro.
[7]Quitou os vestidos da súa viuvez,
para sublimar os aflixidos de Israel;
perfumou o seu rostro,
[8]suxetou cunha fita os cabelos
e puxo un vestido de liño para seducilo.
[9]O seu calzado fascinou os seus ollos;
a súa beldade cativou a súa alma,
e a súa espada tallou o seu pescozo!
[10]A súa audacia fixo tremer aos persas,
a súa fe fixo
que se conturbasen os medos.
[11]Por aquel tempo xemían
os fillos do meu pobo;
enchíanse de pavor os febles
e víanse abouxados;
mais non fixeron outra cousa que berrar,
e os seus inimigos fuxiron.
[12]Foron aseteados
por fillos dunhas mociñas,
matáronos como a escravos fuxitivos;
foron borrados
polo exército do meu Señor.
[13]Cantarei ao meu Deus
unha cántiga nova:
Ti, Señor, es grande e glorioso,
admirable na túa forza, invencible.
[14]Sírvate todo canto creaches,
pois ti dixéchelo
e as cousas foron creadas;
mandaches o teu Espírito e creounas,
e ninguén pode resistir a túa voz.
[15]Os montes,
desde os seus mesmos alicerces,
víronse sacudidos xunto coas augas;
na túa presenza
as rochas derreteranse coma cera;
mais ti terás compaixón
dos que te temen.
[16]Pois pouca cousa é
toda vítima de recendo suave;
levísima cousa é para ti
toda graxa de animais dos holocaustos;
mais os que temen ao Señor
serán sempre grandes.
[17]Ai daqueles que se ergan
contra a miña raza!
O Señor omnipotente vingarase deles
no día do xuízo.
Entregará as súas carnes
ao lume e aos vermes,
para que se doian
e choren eternamente.
[18]Cando chegaron a Xerusalén adoraron a Deus, e o pobo, xa purificado, ofreceu os seus holocaustos e donativos voluntarios, coas ofrendas de costume. [19]E Xudit entregou ao Señor toda a vaixela de Holofernes, a que lle dera o pobo, xunto co dosel que collera do seu leito. [20]O pobo alegrouse en Xerusalén diante do santuario, durante tres meses, e Xudit permaneceu con eles.

**Morte de Xudit**

[21]Despois destes días retornou cadaquén aos seus eidos, e Xudit volveu a Betulia e permaneceu nos seus dominios, administrando os seus bens; e mentres viviu foi estimada con moita honra en toda a terra. [22]Desexábana moitos; pero ela non coñeceu a ningún home en toda a súa vida, desde que morreu o seu marido, Menaxés, e se foi xuntar co seu pobo. [23]E atinxiu suma gloria e envelleceu na casa de seu home ata os cento cinco anos. Deixou libre a criada, e morreu en Betulia, e enterrárona na cova do seu marido, Menaxés. [24]Chorouna a casa de Israel durante sete días. Distribuíu os seus bens antes de morrer entre todos os consanguíneos do seu home, Menaxés, e entre os seus propios familiares.

[25]Mentres Xudit viviu, ninguén atemorizou aos fillos de Israel, nin despois da súa morte, durante moito tempo.

**16**, 23 Xudit chega a unha idade moi avanzada, coma os grandes patriarcas de Israel. É este un xeito de manifestar que Deus a encheu de bendicións.

# INTRODUCIÓN A ESTER

**1. Nome do libro e personaxe ao que se refire**

*O nome de* Ester *significa Estrela. O libro que leva ese nome alude á protagonista da narración, e forma parte dos "cinco rolos" (en hebreo: "meguillot"). Esta obra tenta explicar a orixe da "festa de Purim" ou Sortes. Celébrana os xudeus en lembranza da liberación do exterminio nos derradeiros anos de dominación grega, nos séculos III ou II a. C.*

**2. Xénero literario e tradicións que recolle**

*Literariamente pódese considerar máis como unha novela histórica que como histórico-sapiencial. O autor manexa, ao parecer, tres tradicións distintas: unha de orixe persa e outras dúas de orixe xudía.*

**3. Sentido relixioso da obra**

*O sentido relixioso do libro enxérgase na maneira de conseguir a liberación, pois no texto hebreo non aparece o nome de Deus por ningún sitio. Mesmo así atopamos o senso relixioso sobre todo nada nos comentarios do texto grego.*

**4. Argumento que desenvolve o libro**

*O seu argumento é ben sinxelo: unha xudía de extraordinaria beleza chega a ser raíña na corte persa do rei Axuero e consegue trocar un decreto autorizando o xenocidio da raza xudía noutro no que se condena aos perseguidores, protagonizados por un cortesán de orixe escura chamado Hamán o agaguita.*

*A mensaxe é clara: Deus válese da debilidade dunha muller virtuosa e fiel ás tradicións dos seus devanceiros, para exaltar a raza dos patriarcas israelitas. No fondo vén ser unha versión diferente da xesta da outra heroína famosa do Antigo Testamento, Xudit.*

**5. A cuestión textual**

*A nosa tradución está feita seguindo o texto hebreo, pero completado coas partes engadidas polos tradutores gregos dos Setenta, que constitúen o primeiro comentario do contido do libro. O texto grego non é anterior ao século II a. C. Na presente edición utilizámolo na mesma orde en que se atopa na versión da Biblia de Xerusalén.*

# ESTER

## (Texto recollido da versión dos LXX)

[1a]Ao ano segundo do reinado do rei Axuero, o Grande, o día un do mes de *Nisán*, tivo un soño Mardoqueo, fillo de Iaír, fillo de Ximí, fillo de Quix, da tribo de Benxamín, [1b]xudeu, que moraba na cidade de Xuxán, home importante, dedicado ao servizo do palacio do rei. [1c]Era un dos que Nabucodonosor, rei de Babilonia, levara cativos de Xerusalén con Ieconías, rei de Xudá. [1d]O soño foi este: Berros, estrondo, trebóns e terremotos e barafunda na terra. [1e]Dúas cobras grandísimas corrían unha cara a outra para se combateren e botaron un asubío estarrecedor, [1f]e ao seu asubío todos os pobos se ergueron para facerlle a guerra á nación dos xustos. [1g]Era un día cheo de escuridade e tebras, de dores e angustias, de ruína e gran desconcerto na terra. [1h]Toda a nación dos xustos se conturbou polo temor da desgraza que lle viña enriba e dispúñanse a perecer, [1i]e gritaron a Deus. O seu clamor medrou coma dunha fontela medra un río grande, de moitísima auga. [1l]Xurdiu a luz e mais o sol e os humildes erguéronse e devoraron aos soberbios. [1m]Ao espertar Mardoqueo, que tivera este soño, andou preocupado matinando e matinando ata a noite para comprender o seu significado e descubrir o que quería facer Deus.

### Conspiración contra o rei

[1n]Mardoqueo estaba repousando no palacio con Gabatá e Tarra, os dous eunucos do rei que gardaban o patio, [1ñ]oíu os seus designios e pescudou a súa intención e decatouse de que intentaban pórlle a man enriba ao rei Axuero e denunciounos ao rei, [1o]que interrogou aos dous eunucos e, despois de confesar a verdade, foron levados ao patíbulo. [1p]O rei fixo escribir estas cousas para lembranza e tamén Mardoqueo escribiu sobre o mesmo caso. [1q]Por mor daquel feito o rei agasallou con regalos a Mardoqueo e deulle un posto mellor no seu servizo do palacio. [1r]Pero Hamán, fillo de Amedata, agaguita, era moi ben mirado polo rei e buscaba a maneira de prexudicar a Mardoqueo e ao seu pobo, polo asunto dos dous eunucos do rei.

## (Texto hebreo)

**1** [1]Nos días do rei Axuero –aquel Axuero que reinou desde a India ata Etiopía en cento vinte e sete provincias–, [2]naqueles días, cando o rei Axuero sentaba no seu trono real do castelo de Xuxán, [3]no ano terceiro do seu reinado, convidou a comer a todos os seus príncipes e ministros diante del, aos xefes do exército dos persas e dos medos, aos nobres, príncipes e sátrapas das provincias. [4]Quíxolles mostrar a riqueza e a gloria do seu reino

1a-1r Texto recollido da versión grega dos LXX.

1a Na Vulgata este texto está en **11**, 2-**12**, 6.

*O ano segundo do reinado de Axuero*: en hebreo Ahaxuerox, tradución aproximada de "Ksarjarso" en persa, que os gregos escribiron Xerxes e a versión grega chama Artaxerxes. Dado que os dous nomes son os de dous personaxes históricos, non hai acordo entre os comentaristas sobre de cal deles se trata no libro de Ester. Xerxes I reinou do 485 ao 465 a. C. Os autores antigos, desde Eusebio a S. Xerome, opinan que se trata de Artaxerxes II (como o presenta a versión grega), que reinou do 405 ao 362 a. C. Segundo a opinión que se siga, estariamos no 21 de marzo do 484 ou no mesmo día do 404.

*Mardoqueo*, probablemente derivado de Marduk, deus babilónico.

1b Mardoqueo preséntase como xudeu, aínda que era da tribo de Benxamín. Nos derradeiros tempos do A. T. chamábanse xudeus todos os israelitas, por destacar a tribo de Xudá por riba das outras.

*Xuxán*, a actual vila de Xux, escavada por unha expedición francesa desde o ano 1885, foi a residencia preferida dos reis persas. Está situada na parte meridional da cordilleira do Luristán, na esquerda do río Kesca.

1c A cronoloxía é confusa. Dise que Mardoqueo foi deportado con Ieconías no 598 a Babilonia, e preséntase por outra banda como ministro de Xerxes, arredor do 480. Poderíase harmonizar dicindo que era descendente dos deportados con Ieconías.

1d *O soño*, máis ou menos semellante ao do Faraón (Xén **41**, 1-32), interprétao o mesmo Mardoqueo no c. **10**, 3a-l.

1r *Hamán* ten un nome que ben pode ser persa coma o do seu pai Amedata, o agaguita, da liñaxe de Agag, rei dos amalecitas (1 Sam **15**, 7-8) ou, máis aceptable, de "Agase", distrito da Media, ao que se alude nos escritos cuneiformes.

**1**, 1 *Desde a India ata Etiopía* (en hebreo Cux, a Nubia de hoxe), as cento vinte e sete provincias estaban divididas en vinte satrapías (Heródoto III, 89).

**1**, 4 O convite de 180 días pode parecer excesivo, pero os costumes persas neste terreo están testemuñados por Heródoto e Rufo Curcio, que falan tamén da suntuosidade da corte.

e o relucente grandor do seu poder, durante moitos días, cento oitenta días. [5]Pasados eses días, ofreceu o rei a todos cantos vivían no castelo de Xuxán, desde o meirande ao máis pequeno, un xantar de sete días no patio do xardín do palacio real. [6]Había colgaduras brancas e violeta suxeitas con cordóns de liño fino e púrpura en ariños de prata enriba dun piso de mármore e de alabastro, de madreperla e turquesa con columnas de alabastro e leitos de ouro e prata. [7]Bebíase en copas de ouro, todas distintas, viño a treo, de acordo coa fartura real. [8]A norma para a bebida era que non se forzase a ninguén, pois o rei mandáralles aos camareiros da casa que cadaquén bebese á súa vontade.

### Comportamento da raíña Vaxtí

[9]Tamén a raíña Vaxtí ofreceu un convite para as mulleres no palacio do rei Axuero. [10]No día sétimo, cando o corazón do rei estaba alegre por mor do viño, mandou a Mehumán, Bizetá, Harboná, Bigtá, Abagtá, Zetar e Karkás, os sete eunucos que servían ao rei Axuero, [11]que lle trouxesen a raíña Vaxtí coa coroa real á súa presenza, para mostrarlles aos pobos e aos príncipes a súa fermosura, pois era de belida presenza. [12]Pero a raíña Vaxtí rexeitou a orde que lle dera o rei por medio dos eunucos. O monarca enrabiouse moito e colleuno unha fonda carraxe. [13]E o rei consultou os sabios expertos no dereito real (pois era costume someter os asuntos reais aos coñecedores da lei e do dereito), [14]sendo os máis achegados a el Karxená, Xetar, Admatá, Tárxix, Meres, Marsená e Memukán, os sete príncipes de Persia e Media, os únicos que podían ver cara a cara ao rei e que ocupaban os primeiros postos no reino. Preguntoulles: [15]–De acordo coa lei, que lle hai que facer á raíña Vaxtí por non obedecer a orde do rei Axuero, dada por medio dos eunucos?

[16]Entón Memukán dixo diante do rei e dos príncipes: –A raíña Vaxtí non soamente ofendeu ao rei, refugando a súa orde, senón tamén a todos os príncipes e a todos os pobos que viven en todas as provincias do rei Axuero; [17]porque o feito da raíña chegará a coñecemento de todas as mulleres, que desprezarán aos seus homes. Dirán: "O rei Axuero mandou vir onda el á raíña Vaxtí, e ela non veu". [18]Desde hoxe mesmo as princesas de Persia e Media que saiban o feito pola raíña, desprezarán a todos os príncipes do rei, e xurdirá un vergoñento desprezo e unha grande liorta. [19]Se lle parece ben ao rei publíquese un decreto real que se inclúa entre as leis de Persia e Media, que non se poida retrucar e que diga que a raíña Vaxtí non se presente máis diante do rei Axuero, e que o monarca lle dea a súa coroa a outra máis digna ca ela. [20]E, cando o decreto do rei sexa escoitado en todo o seu reino, aínda sendo tan grande, todas as mulleres lles terán respecto aos seus homes desde o máis grande ao máis pequeno.

[21]Pareceulle ben ao rei e aos príncipes a proposta de Memukán e o rei fixo de acordo coas súas verbas; [22]mandou decretos a todas as provincias do reino, a cada provincia de acordo coa súa escritura e a cada pobo segundo a súa lingua, ordenando que todo marido fose dono da súa casa.

### Ester, escollida para ser a raíña

**2** [1]Despois daquilo, cando a carraxe do rei Axuero minguou, recordouse de Vaxtí e tamén do que fixera ela e do que el decretara contra ela. [2]E dixeron os funcionarios aos seus ministros: –Temos que lle buscar ao rei doncelas virxes de belida presenza. [3]Que en cada provincia do reino escolla o rei encargados de recoller as doncelas virxes de fermosa presenza e que as xunten no palacio de Xuxán, na casa das mulleres, baixo as ordes de Hegué, o eunuco real custodio das mulleres, e que lles dea canto precisen para o seu adorno, [4]e a moza que máis lle praza ao rei será raíña no posto de Vaxtí.

E gustoulle ao rei a proposta e así se fixo. [5]Había no castelo de Xuxán un xudeu, de nome Mardoqueo, fillo de Iair, fillo de Ximí, fillo de Quix o benxaminita. [6]Este fora deportado de Xerusalén cos cativos levados con Ie-

**1**, 8 Parece que o que prohibe o rei son as apostas "a quen resiste máis bebendo". Que cada un beba o que queira, pero sen retesías.
**1**, 10 *Os sete eunucos*, como despois os sete sabios, do v. 13, o equipo completo, "toda a servidume"; as sete doncelas...
**1**, 13-14 De seguro que son os sete conselleiros, "toda a consellaría".
**1**,19 *As leis de Persia*...: cf Dn **6**, 8-16.
**1**, 22 No imperio persa falábanse moitas linguas: o persa, o elamita, o babilonio, o arameo, o exipcio, o fenicio, o grego, e outras menos coñecidas. Para cada unha usábase unha escritura diferente. Que o marido puidese falar na súa lingua nativa coas mulleres que eventualmente falasen outra calquera das linguas.

conías, rei de Xudá, por Nabucodonosor, rei de Babilonia. [7]Criara el a Hadasah, ou sexa, Ester, filla dun seu tío, orfa de pai e nai, rapaza de fermosa figura e belida presenza, a quen adoptara Mardoqueo como filla tras de lle morreren a ela pai e nai. [8]E aconteceu que ao coñecerse a orde do rei, o seu decreto, e ao se xuntaren moitas mozas no palacio de Xuxán, baixo a autoridade de Hegué, foi tamén escollida Ester para a casa do rei e confiada a Hegué, o custodio das mulleres. [9]Gustoulle a Hegué a rapaza, que achou graza aos seus ollos, e deseguido lle deu as cremas de tocador e a correspondente mantenza, e sete doncelas escollidas da casa do rei, e levouna coas súas doncelas á mellor sala do harén das mulleres. [10]Ester non desvelou nin o seu pobo nin a súa parentela, porque Mardoqueo lle aconsellara que non o descubrise. [11]Mardoqueo paseaba a cotío por diante do patio da casa das mulleres para saber da saúde de Ester e de canto lle sucedía. [12]A cada rapaza chegáballe a súa vez para ir onda o rei Axuero, despois de se preparar durante doce meses, segundo prescribía o regulamento das mulleres. Os meses do tratamento repartíanse así: seis meses con óleo de mirra e outros seis con aromas e cremas para mulleres. [13]Cando unha rapaza entraba onda o rei, dábanlle todo o que pedía para levar consigo desde a casa das mulleres ata a casa do rei. [14]Presentábase á tardiña e volvía ao amencer a outra casa das mulleres, que vixiaba Xaaxgaz, o eunuco encargado das concubinas. Non volvería entrar onda o rei, a non ser que a chamase polo seu nome, por lle ser do seu agrado.

[15]Cando a Ester, filla de Abihail, tío de Mardoqueo, que el porfillara, lle chegou a súa vez de entrar onda o rei, non pediu cousa ningunha, fóra do que lle dixera Hegué, o eunuco do rei, custodio das mulleres. Ester enfeitizaba a todos os que a vían. [16]Ester foi levada onda o rei Axuero, ao palacio real no décimo mes, o mes de *Tebet*, no ano sétimo do seu reinado. [17]O rei quíxolle máis a Ester do que a todas as outras mulleres; tanto que lle puxo na cabeza a coroa real e declarouna raíña no posto de Vaxtí. [18]O rei ofreceu un gran banquete a todos os xefes e servidores en honra de Ester; concedeu un día festivo en todas as provincias e repartiu regalos en abundancia, como corresponde á riqueza do rei.

### Ester, na casa das concubinas

[19]Cando Ester se xuntou coas outras doncelas na casa das concubinas, Mardoqueo estaba destinado ao servizo da porta do rei. [20]Ester non desvelou a súa parentela nin o seu pobo, como lle aconsellara Mardoqueo, pois ela obedecía os mandados de Mardoqueo como cando se criaba con el. [21]Naqueles mesmos días, cumprindo Mardoqueo o seu servizo na porta do rei, Bigtán e Térex, dous eunucos do rei, gardas da porta, estaban descontentos e preparaban un atentado contra o rei. [22]Informouse Mardoqueo do asunto e contoullo á raíña Ester e ela díxollo ao rei de parte de Mardoqueo. [23]Pescudouse o caso e resultou ser verdade; polo que foron colgados os dous do madeiro e o caso quedou escrito nos anais do rei.

### Hamán e Mardoqueo

**3** [1]Despois destas cousas, o rei Axuero ascendeu a Hamán, fillo de Amedata, o agaguita, e distinguiuno poñendo a súa cadeira máis alta ca a de todos os seus compañeiros ministros; [2]e todos os funcionarios da corte se axeonllaban ante Hamán por orde real, facéndolle homenaxe; pero Mardoqueo nin lle dobraba os xeonllos nin o reverenciaba. [3]Os funcionarios do palacio preguntáronlle: –Por que ti desobedeces o mandado do rei?

[4]Despois de que llo dixeron un día e outro, sen que lles fixese caso, sucedeu que o comentaron con Hamán, para ver se as razóns

**2**, 7 O nome de *Hadasah*, derivado de "hadas" (mirto), foille cambiado á raíña polo de Ester, da deusa "Istar" (estrela).
**2**, 14 Despois que estivera co rei, xa non volvía á casa das doncelas, senón á das concubinas, que eran mulleres de categoría inferior.
**2**, 19 O texto hebreo e a Vulg. len: "E cando se xuntaron as doncelas por segunda vez, Mardoqueo estaba sentado á porta do rei". O texto grego: "Mardoqueo cumpría o seu traballo no palacio real".
**2**, 20 O grego, máis piadoso ca o hebreo, pon: "Pero Ester non desvelou a súa patria, porque Mardoqueo lle mandara temer a Deus e gardar os seus mandamentos, como cando estaba con el. E Ester non trocara a súa conduta".
**2**, 23 Colgados da punta do madeiro. Tal era o costume dos asirios. Outros entenden "espetados" na punta dun pau, suplicio que se usou entre os persas antigos.
**3**, 1 Mardoqueo é da mesma tribo de Xaúl: Hamán preséntase como de Agag, país descoñecido, pero Agag é nome dun rei amalecita inimigo de Xaúl. Son dous personaxes inimigos por razón da raza.
**3**, 2 "Axeonllarse e reverenciar" é unha frase do A.T. que expresaba a maneira de manifestar a honra debida a Deus. Pero no mundo socio-político-cultural das cortes orientais non tiña un sentido relixioso exclusivo, nin quizais primordial, senón de cortesía. Por iso a postura de Mardoqueo mostra un orgullo racial máis ca unha fidelidade ás súas convicción relixiosas, como dirá na oración que recolle o texto grego (**4**, 17 d-e).

de Mardoqueo lle abondaban, pois afirmaba facelo por ser xudeu. [5]E comprobou Hamán que Mardoqueo non se axeonllaba nin se domeaba diante del e encheuse de carraxe; [6]pero pareceulle pouco castigar só a Mardoqueo –pois dixéranlle de que pobo era–, e intentou exterminar a todos os xudeus que había no reino enteiro de Axuero. [7]No mes primeiro, o mes de *Nisán*, do ano doce do rei Axuero, botaron *Pur*, isto é, sortes, diante de Hamán, para saberen o día e o mes; e caeu a sorte no día trece do mes doce, que é o mes de *Adar*. [8]Entón Hamán díxolle ao rei Axuero: –Hai un único pobo, espallado e estendido entre os pobos por todas as provincias do teu reino, que ten leis diferentes das doutros pobos e non obedecen as leis do rei. Non lle convén ao rei consentirllo. [9]Se o rei o xulga conveniente, mande publicar un decreto para exterminalo e entregarei dez mil talentos de prata nas mans dos contadores, para as arcas do tesouro real.

[10]O rei tirou da súa man o anel e púxollo a Hamán, fillo de Amedata, o agaguita, inimigo dos xudeus, [11]e díxolle: –A prata doucha a ti; en canto ao pobo fai o que queiras con el.

[12]O día trece do primeiro mes foron chamados os escribáns do rei para escribir, e escribiuse, de acordo con todo o que mandara Hamán, aos sátrapas do rei, aos gobernadores que había á fronte de cada distrito e aos príncipes de cada pobo: a cada distrito segundo a súa escritura, e a cada pobo, segundo a súa lingua, a todos no nome do rei Axuero e selouse co anel do rei. [13]E mandaron os decretos, por medio dos correos, a todas as provincias do rei para matar e exterminar e aniquilar a todos os xudeus, mozos e vellos, nenos e mulleres nun só día, o día trece do mes doce, que é o mes de *Adar*, e saquear os seus bens.

[13a]Velaquí o texto da carta:

"O grande rei Axuero aos xefes e gobernantes, aos seus súbditos das cento vinte e sete provincias que hai desde a India ata Etiopía, escríbelles o seguinte: [13b]Sendo xefe de moitos pobos e dono de toda a terra habitada, coidei de non me deixar levar pola soberbia do poder, senón de gobernar sempre con afabilidade e mansedume, e de manter decote en calma as vidas dos que me están sometidos, procurando un reino tranquilo e asisado ata as súas fronteiras e facendo xermolar a paz, tan ansiada por todos os homes. [13c]Consultados os meus conselleiros sobre como podería levar a cabo isto, Hamán, que destaca entre nós polo seu xuízo, pola súa inalterable lealdade e rexa fidelidade, e que foi promovido ao segundo posto do reino pola súa dignidade, [13d]demostrounos que entre todas as tribos da terra hai mesturado un pobo inimigo, oposto polas súas leis a todas as nacións, que refuga continuamente as ordes dos reis de maneira que non se poida establecer un goberno seguro, rexido por nós con acerto. [13e]Decatámonos de que este pobo é o único que prexudica a todos os homes, afastado pola estraña maneira de vivir coas súas leis, resultando inimigo dos nosos intereses ao cometer as peores maldades para que non se consiga un reino estable. [13f]Polo tanto, mandamos que todos os sinalados nos escritos de Hamán, encargado dos nosos negocios e que é coma noso segundo pai, sexan todos exterminados de raíz coas súas mulleres e fillos pola espada dos seus inimigos sen compaixón ningunha nin consideración o día catorce do mes doce, mes de *Adar*, deste mesmo ano, [13g]de maneira que os inimigos antigos e de hoxe sexan violentamente botados nun mesmo día á sepultura, e así nos deixen manter no futuro os nosos asuntos en seguranza e paz".

[14]A copia deste escrito tiña que ser publicada como lei en todas as provincias e tiña que se dar a coñecer en todos os pobos para que estivesen dispostos naquel día. [15]Os correos saíron urxentes por orde do rei, e o decreto foi publicado no palacio de Xuxán. Mentres o rei e Hamán bebían ledos, a cidade estaba abraiada.

**3**, 7 O mes primeiro, o de *Nisán*, ao comezo do ano babilonio, cando consultaban ao seu deus Marduk para que lles descubrise os destinos de todo o ano, botando as "sortes". Parece que Hamán quixo imitalos e botou "as sortes" na mesma data, para fixar o día e o mes no que convíña executar o exterminio da raza de Mardoqueo que el xa determinara (v. 6). Tocou no mes doce, o de Adar, é dicir, case un ano máis tarde, dando así tempo a que os xudeus se defendesen.
**3**, 8 As queixas, que se describen neste v. e no v. 13e-g do texto grego da carta, son frecuentes durante o imperio grego (cf **4**, 12-13; Sab **2**, 14-15; Dn **1**, 8; **3**, 8-12).

**3**, 9 *Dez mil talentos de prata...*: Era unha cantidade enorme (340 000 kg), o que por outra parte indicaba que os xudeus era xente de alta situación económica, xa que este diñeiro sería do que se lles confiscase.
**3**, 11 O rei acepta o plan, pero non por razóns económicas.
**3**, 15 É opinión xeral, despois de Heródoto, que os correos foron inventados polos persas, que os fixeron máis rápidos con cabalos de cambio.

### Os xudeus fan dó, e Ester arreda o perigo

**4** [1]Soubo Mardoqueo canto se fixera e rachou os seus vestidos, vestiuse de saco, cubriuse de borralla e saíu ao medio da cidade dando laios e dicindo: –Desaparece un pobo inocente.

[2]Chegou ata a porta do palacio, pois ninguén pode entrar da porta para dentro vestido de saco. [3]En cada provincia, onde ía chegando a orde do rei, o seu decreto, os xudeus facían pranto, xaxún, dó e loito; e o saco e a cinsa eran o leito para moitos. [4]As doncelas e os eunucos de Ester entraron onda ela e contáronlle todo. A raíña quedou abraiada, e mandoulle roupa a Mardoqueo para que se vestise e quitase o saco, pero el non quixo. [5]Chamou Ester a Hatak, un dos eunucos do rei, que el puxera ao servizo dela, e mandouno onda Mardoqueo para informarse de que era aquilo e a que se debía. [6]Saíu Hatak e foi onda Mardoqueo, que estaba na praza que hai diante da porta do palacio, [7]e Mardoqueo contoulle todo o que acontecera e a cantidade de diñeiro que Hamán prometera botar nas arcas do tesouro do rei polo exterminio dos xudeus. [8]Deulle unha copia escrita do decreto publicado en Xuxán para destruílos, para que llo mostrase a Ester e que ela o coñecese; e mandoulle que lle dixese a Ester que se presentase ao rei para lle rogar e suplicarlle que se considerase do seu pobo. [8a]Mandoulle dicir: –Lembra cando eras pequena e que eu che dei de comer pola miña man. Hamán, o segundo despois do rei, decretou contra nós a morte. Roga ao Señor e fálalle ao rei en favor noso e líbranos da morte.

[9]Entrou Hatak e transmitiulle a Ester as palabras de Mardoqueo. [10]Ester mandou a Hatak que lle dixese a Mardoqueo: [11]–Todos os funcionarios do rei e todos os habitantes das provincias saben que calquera home ou muller, que se presente diante do rei no patio interior sen ser chamado, é condenado a morte pola lei, agás aquel a quen o rei toque coa punta do cetro de ouro; e eu xa hai trinta días que non fun chamada para entrar onda o rei.

[12]Comunicáronlle a Mardoqueo as palabras de Ester, [13]e Mardoqueo mandoulle dicir: –Non vaias imaxinar que, por estares na casa do rei, só ti de entre todos os xudeus te vas salvar, [14]porque se neste intre ti calas, doutra parte virá a axuda e a liberación dos xudeus, mentres ti e mais a casa do teu pai pereceredes. Quen sabe se para un momento coma este chegaches a ser raíña?

[15]Ester mandoulle dicir a Mardoqueo: [16]–Vai e xunta a todos os xudeus que hai en Xuxán e xaxuade por min, sen comer nin beber nada en tres días e tres noites. Eu e mais as miñas doncelas tamén xaxuaremos. Despois entrarei onda o rei, aínda que teña que morrer por culpa do decreto real.

[17]Mardoqueo foise e fixo todo o que lle mandara Ester.

### Oración de Mardoqueo

[17a]Mardoqueo rogou ao Señor, lembrando todas as obras do Señor e dixo:

[17b]–Señor, Señor, Rei dos poderes todos, na túa potestade está todo, e non hai quen cho poida impedir se ti decides salvar a Israel. [17c]Ti fixeches o ceo e a terra e todo canto hai de admirable debaixo do ceo e es o Señor de todos, e non hai quen poida retrucar o teu señorío. [17d]Ti coñeces todas as cousas; ti sabes, Señor, que non foi por orgullo, nin por soberbia, nin por vaidade polo que eu fixen isto de non me axeonllar diante do fachendoso Hamán, pois de boa gana ata lle bicaría eu os pés pola salvación de Israel. [17e]Eu fíxeno para non lle dar gloria a un home por riba da gloria de Deus; e non me axeonllarei diante de ninguén, senón só diante de ti, meu Señor; e non o fago por vaidade. [17f]E agora, Señor, Deus, Rei, Deus de Abraham, perdoa ao teu pobo, porque nos andan enriba vendo como nos han destruír e devecen por exterminar a que desde sempre foi a túa herdade. [17g]Non deixes de mirar pola túa parcela que rescataches para ti do país de Exipto. [17h]Escoita a miña súplica, móstrate propicio á túa herdade; cambia o noso loito en festa, para que, vivindo, cantemos himnos ao teu nome, Señor. Non peches a boca dos que te loan.

[17i] Todo Israel berraba con forza, pois tiñan a morte ante os ollos.

**4**, 3 Durmir no chan enriba da cinsa era unha mostra de profunda pena por mor das desgrazas, e dáballe máis forza á súa oración.

**4**, 8 Aquí e alá aparecen partes de diferente procedencia, de Luciano (**3**, 8; **4**, 17...), da Vulg. ou da Vetus lat., do grego moitas veces: o que nos mostra que o libro de Ester foi composto con materiais diversos en tempos tamén diferentes, e máis ben serodios. O texto grego ten esta recomendación que a Vet. lat. modifica: "Érguete, por que quedas calada e sentada? Olla, que fuches sentenciada, ti e a túa casa, a casa de teu pai e todo o teu pobo, e toda a túa descendencia. Érguete. Vexamos se é posible loitar e sufrir polo noso pobo, para que lle sexa propicio".

**4**, 14 *Doutra parte virá a axuda*: é unha maneira de aludir a Deus sen nomealo.

**4**, 17 O texto grego insire aquí a oración de Mardoqueo (17 a-i), e a de Ester (17 l-ab).

**Oración de Ester**

17l Tamén a raíña Ester se refuxiou onda o
Señor, apreixada pola agonía de morte. Espiu
os vestidos de gloria e puxo unha roupa ruín
de loito e tristura. En vez de caros aromas,
botou na cabeza cinsa e po lixoso, desfigurou
o seu corpo canto puido, e cos seus cabelos
revoltos tapou a belida fermosura do seu cor-
po, e suplicou ao Señor dicindo:
17m –Meu Señor e noso Deus, ti es único.
Vén no meu socorro, que estou soíña e non
teño outro socorro ca ti, e a miña vida está
en perigo. 17nDesde o meu nacemento xa na
tribo dos meus devanceiros oín que ti, Señor,
escolliches a Israel de entre todos os pobos,
aos nosos pais de entre todos os seus ante-
pasados, para que fosen a túa herdade por
sempre, e cumpríchesllе todo canto lle pro-
meteras. 17ñTemos pecado moito contra ti e
entregáchesnos nas mans dos nosos inimigos
porque honramos os seus deuses. Xusto es,
Señor. 17oPero agora non lles abonda a nosa
amarga escravitude, senón que puxeron as
súas mans no poder dos seus ídolos para bo-
rrar o decreto da túa boca e destruír a túa her-
dade; para pechar as bocas dos que te loan e
apagar a gloria da túa casa e do teu altar; 17pe
para abrir, en troques, as bocas dos xentís e
loaren os seus deuses e admirar eternamente
a un rei de carne. 17qNon lles deixes, Señor,
o teu cetro aos que non son nada; que non
festexen a nosa caída; volve contra eles o seu
destino, e, xa que se ergueron eles primeiro
contra nós, fai que sirvan de escarmento.
17rAcórdate, Señor, e faite coñecer no mo-
mento da nosa tristura e faime valente, rei
dos deuses e Señor de toda autoridade. 17sPon
nos meus beizos verbas feiticeiras, cando
estea na presenza do león; troca o odio do
seu corazón en contra do que nos persegue
para desfeita súa e dos que pensan coma el.
17tA nós líbranos co teu poder e acude no meu
socorro, que estou soíña, e non teño a nin-
guén máis ca ti, Señor. 17uTi coñeces todas as
cousas, sabes que eu aborrezo a gloria dos
malvados, que abomino o leito incircunciso e
o de calquera estranxeiro. 17vTi coñeces ben a
angustia na que me atopo, que me anoxan as
alfaias de grandeza cando cinguen as miñas
tempas nos días solemnes, como dá noxo un
pano impuro, e que non as poño en privado.
17xA túa escrava non comeu á mesa de Hamán
nin tivo por gloriosos os xantares reais nin
bebeu do viño das libacións. 17zA túa serva
non tivo un só momento de ledicia desde o
día do meu ascenso ata hoxe máis ca en ti
só, Señor e Deus de Abraham. 17abOh Deus,
que dominas a todos, escoita o clamor dos
privados de esperanza, líbranos da man dos
malfeitores, e sobre de todo, líbrame a min
do meu medo.

**Ester preséntase no palacio do rei**

**5** 1aO terceiro día, cando acabou de rezar,
espiu as roupas ruíns e vestiuse de raíña.
Recuperada a súa brillante beleza, invocou a
Deus, que coida de todos e a todos salva, e
collendo consigo a dúas doncelas, apoiouse
con suavidade nunha delas, mentres a outra
ía detrás sosténdolle o fondo do vestido. 1bÍa
ela relucente, no cume da súa fermosura, coa
cara alegre coma a dunha namorada, aínda
que o seu corazón estaba apreixado pola an-
gustia. 1cAbrindo todas as portas, chegou á
presenza do rei; estaba o rei sentado no tro-
no real, vestido coa roupa das celebracións
públicas, todo cuberto de ouro e de pedras
preciosas e cunha aparencia impresionante.
1dLevantando o rostro, relucente de gloria,
botoulle unha ollada tan chea de ira, e a raíña
esvaeceu; perdeu a cor e apoiou a cabeza en-
riba da serva de diante. 1eTrocou Deus, entón,
o corazón do rei en dozura, e, angustiado, er-
gueuse de présa do trono e colleuna nos seus
brazos e en canto ela volvía en si, el dicíalle
palabras suaves 1fcoma: –Que che pasa, Es-
ter? Eu son o teu irmán, ten confianza. Non
morrerás, pois o meu decreto é só para a ou-
tra xente. Achégate. 2E collendo o rei o cetro
de ouro pousouno no pescozo de Ester e bi-
couna, dicindo: –Fálame.
2aEla respondeu: –Señor, vinte coma un
anxo de Deus e o meu corazón turbouse polo
respecto da túa gloria. Porque es admirable e
o teu rostro está cheo de maxestade.
2bDito isto volveu esvaecer. O rei turbouse
e todos os seus servos puxéronse a reanima-
la. 3O rei preguntoulle: –Que sucede, raíña
Ester? Que desexas? Daráseche aínda que
sexa a metade do reino.

**4**, 17o Pode significar un xuramento, unha fórmula de alianza cos ídolos, ou tamén dicir que os ídolos demostran máis poder ca o Deus de Xudá.
**5**, 1 O hebreo é moito máis curto: "O terceiro día Ester puxo o vestido real e presentouse no patio do pazo do rei, diante da sala real. O rei estaba sentado no trono real, na sala real e, tan axiña como el viu a raíña Ester parada no patio, ela achou graza aos seus ollos, e o rei estendeu de cara a Ester o seu cetro de ouro que tiña na man, e Ester achegouse e tocoulle na punta do cetro". No v. 3 volven a estar de acordo o grego e o hebreo.
**5**, 3 É unha maneira esaxerada de expresar o ánimo de conceder o que lle pida. Aparece tamén en **5**, 6; **7**, 2; **9**, 11; e no N. T., en Mc **6**, 23, no caso de Herodías.

4Respondeu Ester: –Se ao rei lle prace,
veña o rei con Hamán hoxe ao convite que
lle teño preparado.
5O rei dixo: –Correde onda a Hamán e que
faga o que pide Ester.
6Despois de beber o viño do convite díxo-
lle o rei a Ester: –Cal é a túa petición? Da-
ráseche. Que desexas? Daráseche aínda que
sexa a metade do reino.
7Ester respondeu, dicindo: –Esta é a miña
petición e o meu anhelo: 8se atopei graza aos
ollos do rei, e se ademais lle prace ao rei dar-
me o que lle pido e facer o que eu arelo: que
veña o rei con Hamán ao convite que mañá
lle vou ofrecer, de acordo coa palabra do rei.
9Nese día Hamán saíu cheo de ledicia e de
gozo no seu corazón; pero cando Hamán viu
a Mardoqueo na porta do palacio e que non
se ergueu nin sequera se moveu diante del,
encheuse de carraxe Hamán contra Mardo-
queo. 10Hamán alporizouse e foi para a súa
casa e avisou e fixo vir os seus amigos e a súa
muller Zérex. 11Contoulles Hamán a grande-
za da súa riqueza e a multitude dos seus fillos
e todas as cousas con que o tiña engrande-
cido o rei e como o enxalzara por riba dos
príncipes e dos ministros do rei, 12e engadiu
Hamán: –Ademais a raíña Ester convidoume
a min só co rei ao convite que lle ofreceu, e
tamén mañá só eu fun convidado por ela co
rei. 13Pero todo isto non é nada para min en
canto siga vendo a Mardoqueo, xudeu, senta-
do á porta do rei.
14Zérex, a súa muller, e todos os seus ami-
gos dixéronlle: –Que fagan un madeiro de
cincuenta cóbados de alto, e mañá pídelle ao
rei que sexa pendurado nel Mardoqueo, e así
poderás entrar contento despois ao convite
co rei.
Gustoulle o consello a Hamán e mandou
facer o madeiro.

### Exaltación de Mardoqueo e ruína de Hamán

**6** 1Aquela noite fóiselle o sono ao rei e
mandou traer o libro das memorias anti-
gas e foron lidas na presenza do rei. 2E ato-
paron o escrito no que se contaba que Mar-
doqueo denunciara a Bigtán e a Tarra, dous
eunucos do rei, dos que gardaban a porta, que
intentaran estender a man contra o rei Axue-
ro. 3O rei preguntou: –Que homenaxe se lle
fixo e que recompensa se lle deu por isto a
Mardoqueo?
Respondéronlle os cortesáns do rei, os
seus servos: –Non se lle fixo nada.
4Entón dixo o rei: –Quen está no patio?
Naquel mesmo intre chegaba Hamán ao
patio do palacio real, que viña de fóra para lle
pedir ao rei que pendurase a Mardoqueo do
alto do madeiro, que mandara erguer para el.
5Os camareiros comunicáronlle ao rei: –Ha-
mán está no patio.
O rei díxolles: –Que entre.
6Entrou Hamán e preguntoulle o rei: –Que
se lle debería facer a un home a quen o rei
quere homenaxear?
Hamán cavilou para si: A quen vai querer
honrar o rei máis ca a min? 7Entón Hamán
respondeulle ao rei: –O home a quen o rei
quere homenaxear, 8que lle traian as roupas
con que se veste o rei, e o cabalo do rei, que
leva na cabeza a coroa real. 9O máis impor-
tante dos ministros do rei, o primeiro, que
recolla os vestidos e o cabalo do rei e que
vista ao home a quen o rei quere honrar e que
o poña no seu cabalo e que o leve polas pra-
zas da cidade pregoando diante del: "Velaquí
como se lle debe facer ao home a quen o rei
quere homenaxear".
10Entón o rei díxolle a Hamán: –Vaite
deseguido e colle o vestido e mais o cabalo
que dixeches e faille todo isto ao xudeu Mar-
doqueo, que está sentado á porta do palacio
e non omitas nada de todo o que dixeches.
11Hamán colleu o vestido e o cabalo, ves-
tiu a Mardoqueo, sentouno no cabalo no me-
dio da praza da cidade e ía berrando diante
del: –Así se lle fai ao home a quen o rei quere
homenaxear persoalmente.
12Mardoqueo volveu para a porta do pala-
cio e Hamán foi para a súa casa chorando e
coa cabeza cuberta. 13Contoulle Hamán á súa
muller Zérex e a todos os seus amigos canto
lle acontecera e dixéronlle os seus amigos e
súa muller Zérex: –Se Mardoqueo, diante do
que xa tiveches que humillar a cabeza, per-
tence á raza xudía, non o poderás vencer, se-
nón que caerás sen remedio diante del.
14Aínda lle estaban falando cando chega-
ron os eunucos do rei buscar de présa a Ha-
mán para levalo ao convite que lle preparara
Ester.

**5**, 6 Segundo Heródoto (Hist. 1.133), nos convites persas o viño servíase na sobremesa, e constituía o momento de maior ledicia e o máis axeitado para pedir favores.

**6**, 1 Sen dicilo, o texto suxire que o insomnio do rei, o atentado dos gardas, e a casual lectura do caso nese intre, foi todo cousa de Deus.
**6**, 12 *A cabeza cuberta* era sinal de gran tristura.

**Ester salva ao seu pobo e Hamán é aforcado**

**7** [1]O rei e Hamán foron decontado ao
convite preparado pola raíña Ester. [2]O rei
preguntoulle a Ester, tamén o segundo día,
despois de comer e beber: –Cal é a túa petición, raíña Ester? Serache concedida; e cal
é o teu anhelo? Daráseche ata a metade do
reino.

[3]A raíña Ester, respondendo, dixo: –Meu
rei, se achei graza aos teus ollos, e se ao rei
lle prace, concédaseme a miña vida: esta é a
miña petición; e a vida do meu pobo: este é
o meu anhelo; [4]pois fomos vendidos eu e o
meu pobo, para sermos borrados, aniquilados
e exterminados. Se soamente fósemos vendidos como escravos ou servas, eu quizais calaría, porque esta desgraza non prexudicaría
tanto ao rei.

[5]Alporizouse o rei Axuero e preguntoulle á
raíña Ester: –Quen é ese e onde está aquel a
quen se lle ocorreu facer tal cousa?

[6]Ester respondeulle: –O perseguidor e inimigo é este malvado Hamán.

Entón Hamán estarreceu diante do rei e
da raíña, [7]e o rei ergueuse da mesa levado da
carraxe, e saíu da casa ao xardín do palacio
mentres Hamán quedou alí para pedir pola
súa vida cabo da raíña Ester, pois viu que a
súa ruína estaba decretada polo rei. [8]Cando
o rei volveu do xardín do palacio para a sala
do convite, Hamán deixárase caer enriba do
diván onde repousaba a raíña Ester. O rei exclamou: –Seica aínda dentro do meu palacio
e diante de min quere forzar á raíña.

Non acabara de dicir o rei estas verbas e
tapáronlle a cara a Hamán. [9]Entrou Harbonah, un dos eunucos, e suxeriu diante do rei:
–Velaquí o madeiro que fixo Hamán para
Mardoqueo, que tan ben defendera ao rei;
está ergueito a cincuenta cóbados diante da
casa de Hamán.

E dixo o rei: –Colgádeo no alto del.

[10]E colgaron a Hamán no madeiro, o que
el fixera erguer para Mardoqueo e deste xeito
aplacou o rei a súa carraxe.

**Decreto en favor dos xudeus**

**8** [1]Aquel mesmo día o rei Axuero deulle á
raíña Ester a casa de Hamán, o perseguidor dos xudeus, e Mardoqueo foi presentado
ao rei, que xa lle descubrira que era familiar
da raíña. [2]E colleu o rei o anel que lle quitara a Hamán e deullo a Mardoqueo, e Ester
púxoo á fronte da casa de Hamán. [3]Volveu
Ester a falar diante do rei e prosternouse na
súa presenza ata os seus pés, e chorando suplicoulle que mandara anular todos os males
que Hamán, o agaguita, decretara contra os
xudeus, e todas as maquinacións que intentara contra eles.

[4]O rei estendeu o seu cetro de ouro de cara
a Ester e fixoa levantar diante súa. [5]Ester
díxolle: –Se ao rei lle prace e se atopei graza aos seus ollos, e se xulga axeitada a miña
palabra na súa presenza e me ten a min por
boa á súa vista, que se escriba a revogación
das cartas das maquinacións de Hamán, fillo
de Amedata, agaguita, que el escribira para
aniquilar os xudeus de todas as provincias do
rei. [6]Porque como podería eu ver a desventura do meu pobo e soportar a desfeita da miña
raza?

[7]O rei Axuero respondeulle á raíña Ester
e a Mardoqueo, o xudeu: –Xa lle dei a Ester
a casa de Hamán, e a el mandei que o pendurasen no madeiro que el mesmo fixera erguer para os xudeus. [8]Vós, pola vosa parte,
no que se refire aos xudeus, escribide o que
vos pareza ben a xuízo voso no nome do rei
e seládeo co anel do rei, porque todo escrito
feito no nome do rei e selado co seu anel non
se pode revogar.

[9]Foron chamados os escribáns do rei naquel mesmo intre no terceiro mes, o de *Siván*,
no día vinte e tres, e escribiron todo o que
lles mandaba Mardoqueo aos xudeus, aos sátrapas, aos inspectores e xefes das provincias
desde a India ata Etiopía, cento vinte e sete
provincias; a cada provincia segundo a súa
escritura e a cada pobo de acordo coa súa lingua e aos xudeus tamén de acordo coa súa escritura e lingua. [10]Escribiron no nome do rei
Axuero e selaron co anel do rei e mandaron
os escritos por medio dos correos montados
en cabalos das cortes do rei. [11]Nos escritos, o
rei autorizaba aos xudeus que habitaban en
todas as cidades, a se poderen xuntar para
defender as súas vidas, para ferir, matar e
exterminar a toda persoa dos pobos que os
atacasen, sen lles perdoar ás mulleres nin aos
nenos, e para lles saquear os seus bens; [12]e
todo isto no mesmo día en todas as provin-

**7**, 4 Se fosen vendidos, polo menos aproveitarían o diñeiro da venda, aínda que a perda sería moi grande, por exterminar a tantos cidadáns bos.
**7**, 8 Adoitábase tapar a cabeza dos condenados a morte.
**8**, 5-8 Os decretos selados co anel real eran irrevogables. Polo mesmo, para deixar sen forza o mandado por Hamán, tiveron que facer outro que autorizase aos hebreos a se defenderen dos atacantes, e de os atacar se fose preciso coa mesma garantía do anel do rei.
**8**, 9 O grego pon *Nisán* o primeiro mes, en vez de *Siván* o terceiro mes (maio-xuño), acurtando o tempo entre o de Hamán e o de Mardoqueo.

cias do rei Axuero, o día trece do mes doce, o mes de *Adar*.

[12a]Velaquí o texto da carta:

[12b]"O gran rei Axuero aos sátrapas das cento vinte e sete provincias que hai desde a India ata Etiopía, e a todos os súbditos fieis, saúde.

[12c]Hai moitos que, cantos máis favores reciben dos seus benfeitores, tanto máis soberbios se fan, e non soamente causan dano aos nosos súbditos, senón que son incapaces de lle pór lindes á súa insolencia, conspirando en contra dos propios benfeitores; [12d]non só acaban co agradecemento dos homes, senón que, orgullosos coa fachenda dos que fan o mal, imaxinan que van escapar da xustiza de Deus, que o ve todo e odia o mal. [12e]A miúdo, a moitos que teñen autoridade lles sucede que se deixan manexar polos seus amigos nos seus negocios e fanse responsables de sangue inocente e véñenlles infortunios irremediables, [12f]pois con malignas matinacións nacidas da súa perversidade chegaron a enganar a nobre e natural lealdade dos que gobernan. [12g]E para comprobar isto non é preciso acudir a historias antigas, que vos estamos contando; abonda con ollar con atención o que está diante de vós, as cousas que fan con conduta pestilente os que se apropian do poder indignamente. [12h]Por iso temos que nos dispor a procurar para o futuro paz e tranquilidade para todos os homes do reino, [12i]introducindo os cambios oportunos e xulgando as cousas que van aparecendo con ánimo acolledor e benevolente. [12l] Pois Hamán, fillo de Amedata, macedonio, alleo ao sangue dos persas e moi afastado da nosa cordura, foi acollido entre nós como hóspede, [12m]chegando a gozar da amizade que nós temos cos outros pobos, ata o punto de ser proclamado noso pai e sendo reverenciado por todos, ocupando o segundo posto no reino. [12n]Pero non podendo soportar o peso da súa grandeza, intentou privarnos do poder e da vida. [12ñ]Pediu a destrución do noso salvador e continuo benfeitor, Mardoqueo, e a de Ester, cabal consorte do reino, e a de toda a raza súa, con toda sorte de falaces razoamentos. [12o]Por estes procedementos quixo pasar ao dominio dos macedonios o poder dos persas, colléndonos desamparados. [12p]Pero nós comprobamos que os xudeus, destinados ao exterminio polo tres veces criminal, non son malfeitores, senón que se dirixen polas leis máis xustas; [12q]e que son fillos do altísimo e grandísimo Deus vivente que endereita o reino co maior acerto tanto para nós coma para os nosos devanceiros. [12r]Polo tanto faredes ben non usando os escritos mandados por Hamán o de Amedata, xa que o autor deles foi colgado ás portas de Xuxán xunto con toda a súa familia, dándolle ben axiña o Deus que todo o domina o castigo xusto. [12s]Ponde unha copia desta carta en todo lugar público e deixade que os xudeus se gobernen polas propias leis; e axudádenos para que poidan rexeitar a cantos se ergan contra eles no día da tribulación, isto é, o día trece do mes doce, *Adar*, [12t]porque o Deus que o domina todo trocou en día de ledicia o destinado á destrución e exterminio da raza escolleita. [12u]Vós, xudeus, celebrade este día sinalado con toda ledicia coma unha das vosas acostumadas festividades, para que agora e no futuro sexa de salvación para vós e para os persas de boa intención, pero para os falsos e tramposos contra vós, que lles sirva de lembranza de exterminio. [12v]Toda cidade ou rexión que non faga de acordo con isto será aniquilada coa lanza e lume con ira; non soamente quedará erma de homes, senón que será noxenta para feras e paxaros eternamente".

[13]O texto deste documento debía ser publicado, como lei, en todas e cada unha das provincias, e promulgado en todos os pobos, para que os xudeus estivesen preparados naquel mesmo día para se vingaren dos seus inimigos. [14]Os correos, montados en cabalos da mellor caste, saíron correndo de présa, como ordenaba o decreto do rei; o edicto foi publicado tamén no castelo de Xuxán. [15]Mardoqueo saíu da presenza do rei vestido con roupas reais de púrpura, violeta e liño branco, cun gran diadema de ouro e un manto de fino liño e púrpura; a cidade de Xuxán rebordaba de ledicia e gozo. [16]Para os xudeus foi todo luz, ledicia, triunfo e gloria. [17]En todas as provincias e cidades, en todos os lugares nos que se publicaba a orde e decreto do rei, entre os xudeus había ledicia triunfal, xantares e rexouba de festa. Moitos xentís daquelas terras se fixeron xudeus, porque un gran temor se apoderou deles con relación aos xudeus.

### A festa de *Purim.* Vinganza dos xudeus

**9** [1]No mes doce, o mes de *Adar*, no día trece, o día mesmo en que foi publicada a orde

**9**, 1 O repentino troco da sorte, que transforma o loito en festa, é un sinal certo da intervención de Deus en favor do crente. Nos salmos, moi a miúdo, faise alusión a tal evento.

do rei, o seu decreto, para que fose executado no día mesmo no que os inimigos dos xudeus intentaban facerse donos deles, sucedeu todo ao revés, pois foron os xudeus os que se fixeron donos dos que os odiaban. 2Os xudeus xuntáronse en todas as cidades e provincias do rei Axuero, para lles pór a man enriba aos que maquinaban a súa ruína e ninguén lles retrucou, porque un gran temor e medo caeu enriba de todos os pobos. 3E todos os xefes das provincias, os sátrapas, gobernadores e demais funcionarios do rei se puxeron da parte dos xudeus por mor do respecto que lles metía a todos eles Mardoqueo, 4porque Mardoqueo era grande na casa do rei e a súa sona espallárase por todas as provincias, e o nome de Mardoqueo medraba máis cada día.

5Os xudeus atravesaron coa espada a todos os seus inimigos; degoláronos, acabaron con eles; fixeron o que quixeron cos que lles tiñan xenreira. 6No castelo de Xuxán mataron os xudeus a cincocentos homes, exterminándoos. 7A Parxandata, a Dalfón, a Aspata, 8a Porata, a Adaliá, a Aridata, 9a Parmaxta, a Arisai, a Aridai e a Iezata, 10os dez fillos de Hamán, fillo de Amedata, inimigo dos xudeus, matáronos, pero non lles botaron man aos seus bens. 11Naquel mesmo día déronlle a coñecer ao rei o número dos executados no castelo de Xuxán. 12O rei díxolle á raíña Ester: –Só no castelo de Xuxán os xudeus xa mataron e exterminaron a cincocentos homes e aos dez fillos de Hamán; no resto das provincias do rei que che parece que farían? Cal é agora a túa petición? Concederáseche. Seguirase facendo o que ti anheles.

13Ester faloulle: –Se ao rei lle prace, concédaselles aos xudeus que tamén mañá sigan facendo de acordo co decreto de hoxe en Xuxán e que penduren aos dez fillos de Hamán do alto do madeiro.

14Mandou o rei que se fixese así e promulgou o decreto en Xuxán, e colgaron aos dez fillos de Hamán.15Os xudeus de Xuxán xuntáronse no día catorce do mes de *Adar* e mataron en Xuxán outros trescentos homes, pero non lles botaron man aos seus bens. 16Os xudeus das restantes provincias do rei xuntáronse para defender as súas vidas e a seguranza contra os seus inimigos e mataron a setenta e cinco mil dos que lles tiñan xenreira, pero non lles botaron man aos seus bens. 17Isto aconteceu no día trece do mes de *Adar* e no día catorce foi declarado día de repouso, día de xantar de festa e de rexouba. 18Pero os xudeus de Xuxán xuntáronse no día trece e catorce, e repousaron no día quince e declarárono día de festexo e rexouba. 19Por iso os xudeus que habitan nas cidades sen muralla fan festa no día catorce do mes de *Adar* e celébrano con xantares e foliada, e nese día agasállanse os uns aos outros con regalos. 19aMentres que os que habitan nas cidades con muralla celebran o seu día de festa, facéndose regalos mutuamente no día quince do mes de *Adar*. 20Mardoqueo escribiu estas verbas e mandoulles cartas a todos os xudeus espallados por todas as provincias do rei Axuero próximas e distantes, 21decretando que tiñan que festexar o día catorce e o día quince do mes de *Adar* de todos os anos, 22como días nos que os xudeus conseguiron a paz contra os seus inimigos e nese mes o seu pranto tornouse en ledicia e o seu loito en festa, e debían festexalos con banquetes, con foliada e facéndose regalos os uns aos outros e socorrendo aos pobres. 23Os xudeus recolleron entre os seus usos e costumes o que comezaron a facer como lles prescribira Mardoqueo. 24Hamán, fillo de Amedata, o agaguita, o perseguidor de todos os xudeus, intentara acabar con eles e botara sortes (*pur*) para aniquilalos e exterminalos. 25Pero cando ela, Ester, se presentou diante do rei, díxolle o rei por decreto que o malvado designio que maquinara contra os xudeus, se trocase contra a súa propia cabeza, e foi colgado do alto do madeiro, el e mais os seus fillos.

26Por iso chamaron a estes días os *purim*, da palabra *pur* (sorte). Así como tamén por todas as palabras da carta aquela, e por todo o que viran con relación a este asunto, e todo canto lles sucedera, 27os xudeus fixeron destes días unha institución perpetua para si e para os seus descendentes, e para todos aqueles que se lles xuntasen, de non deixar de facer nestes dous días canto está prescrito e nos días sinalados de todos os anos, 28e que estes días fosen relembrados e festexados en cada xeración, en cada clan, en cada provincia e en cada cidade. E que estes días dos *purim* non se poderían esquecer entre os xudeus, nin a súa lembranza se podería borrar dos seus descendentes.

**9**, 5 A aplicación da Lei do Talión, o castigo inxustamente pedido para o inocente, cae sobre o acusador inxusto.
**9**, 16 O texto grego pon "quince mil".
**9**, 18 As festas de *Purim* amosan un carácter profano popular sen referencia ningunha a Deus.
**9**, 27 Nas sinagogas modernas aínda se celebra esta festa, pero na véspera prescríbese un xaxún para os xudeus, sen excluír os prosélitos.

[29]A raíña Ester, filla de Abihail, e o xudeu
Mardoqueo escribiron con toda a súa auto-
ridade urxindo o cumprimento desta carta
segunda dos *purim* para lle dar forza de lei.
[30]Mandáronse cartas a todos os xudeus das
cento vinte e sete provincias do rei Axuero
con verbas de paz e fidelidade, [31]para confir-
mar estes días dos *purim* nas súas datas, tal
como llelo decretara Mardoqueo, o xudeu, e
a raíña Ester, e de acordo co que eles mesmos
ordenaron para si e para os seus descenden-
tes; é dicir: todo o que se determinou tocante
ao xaxún e ás lamentacións. [32]O decreto de
Ester ratificou estas cousas referentes aos *pu-
rim*, e así foi escrito no libro.

### Gabanza de Mardoqueo

**10** [1]O rei Axuero impuxo un tributo ao
país e ás illas do mar. [2]Todas as mostras
de poderío e de forza e o relato da grandeza
de Mardoqueo, coas que o engrandeceu o rei,
non é certo que se atopan escritas no libro das
crónicas dos reis dos medos e dos persas?
[3]Nelas cóntase: "O xudeu Mardoqueo foi o se-
gundo despois do rei, o meirande dos xudeus,
o máis querido da multitude dos irmáns, home
sempre dedicado a procurar o ben para o seu
pobo e promotor da paz de toda a súa raza".

[3a]E dixo Mardoqueo: –Todas estas cousas
viñeron de parte de Deus; [3b]porque lembran-
do o soño que tiven tocante a isto, non fallou
nin sequera unha delas: [3c]nin a fontela que
se converteu en río e a luz e o sol e a auga
abundante. O río é Ester, a quen o rei fixo
esposa e raíña. [3d]As dúas cobras somos eu e
Hamán. [3e]Os pobos son os que se xuntaron
para destruír o nome dos xudeus. [3f]A miña
nación é Israel, que clamou a Deus e foi sal-
vada. O Señor salvou o seu pobo e liberounos
de todos estes males; obrou Deus grandes
sinais e prodixios como endexamais non os
houbera no resto das nacións. [3g]Por iso Deus
sinalou dúas sortes, unha para o seu pobo e
outra para o resto dos pobos; [3h]e estas dúas
sortes cumpríronse na hora, no intre e no día
determinado na presenza de Deus e de todos
os pobos. [3i]Entón Deus lembrou ao seu pobo
e fixolle xustiza á súa herdade; [3l]para estes,
os días catorce e quince do mes de *Adar* se-
rán días de xuntanza, de ledicia e gozo diante
de Deus por xeracións para sempre no seu
pobo Israel.

### Nota encol da tradución grega do libro

[3m]No ano cuarto de Ptolomeo e Cleopatra,
Dositeo, que dicía ser sacerdote e levita, e o
seu fillo Ptolomeo, trouxeron a presente carta
dos *purim*, que dixeron ser verdadeira e tra-
duciuna Lisímaco, fillo de Ptolomeo, dos de
Xerusalén.

**10**, 1-3 Apéndice curto sobre da sorte de Axuero (Xerxes) e Mardoqueo.
**10**, 2 O texto grego fai ao rei redactor do libro.
**10**, 3 Neste v. téndese a considerar o libro máis como de Mardoqueo ca de Ester. Como Xudit é a heroína, exemplar da nación xudía, Mardoqueo é o xudeu ideal. A festa conmemorativa chamábase "O día de Mardoqueo" (2 Mac **15**, 36).

# INTRODUCIÓN AOS LIBROS DOS MACABEOS

## 1. Escaseza de datos no período helenista

*Da historia xudía dos séculos inmediatamente anteriores a Xesucristo non temos moitos datos concretos. Con todo nestes anos sucederon moitas cousas que logo influíron mesmo no xeito de agromar e se desenvolver o cristianismo primitivo. Foron anos nos que as posicións relixiosas e históricas callaron nun xurdimento de grupos diversos, caracterizados cada un deles por unha propia comprensión relixiosa da realidade, por unha teoloxía específica.*

*Mais a falta de datos non é total. Xustamente sobre un dos momentos máis cualificados destes catro séculos, aló polos anos 175-135, temos unhas narracións de excepción: son os libros I e II dos Macabeos.*

## 2. Os Láxidas e os Seléucidas, sucesores de Alexandre

*A dinastía seléucida, sucesora da dinastía láxida no dominio de Palestina despois da morte do macedonio Alexandre Magno, mostrouse de primeiras respectuosa coas tradicións xudías. Sen embargo, coa chegada ao trono de Antíoco IV Epífanes (175-163), as cousas cambiaron de todo. Este rei quixo fortalecer a unidade política dos seus dominios forzando unha uniformidade social e relixiosa dos mesmos. O proxecto bateu na Xudea cunha resistencia teimosa. Houbo quen se aveu aos desexos do rei; mais houbo tamén quen se foi apegando ao primeiro fato de rebeldes.*

## 3. O libro I dos Macabeos

3.1. *Levanta acta desta resistencia. Despois de situar nos dous primeiros capítulos aos grupos enfrontados –helenismo e reacción nacionalista–, vai contando as actividades bélicas e políticas da familia arredor da cal se coordinou o movemento de resistencia: a familia de Matatías. Primeiro este vello e logo os seus fillos, Xudas o Macabeo (166-160), Ionatán (160-142) e Simón (142-134) arrepuxéronse aos intentos de asoballamento de diversos reis cos seus xenerais: Antíoco IV (175-163), Demetrio I (162-150), Alexandre Balas (150-145), Demetrio II (145-139; 129-125), Antíoco VI (145-142), Antíoco VII (139-129). En total son un conxunto de corenta anos aproximadamente, nos que a belixerancia xudía atopou un bo aliado na mesma inconsistencia dos grandes poderes do momento que teimaban alongar os seus dominios pola banda palestina. Neste sentido os Macabeos gardan unha estreita semellanza co rei David.*

3.2. *O autor desta crónica guerreira énos descoñecido. Escribiu o seu relato en hebreo, pero a nós chegounos nunha versión grega que non oculta a súa procedencia hebrea, ou semita polo menos. Trátase dun xudeu palestino adicto á revolución, administrador dos Macabeos e da súa causa. Tendo en conta a referencia do final do libro aos anais de Xoán Hircano (1Mac **16**), morto no 104, e mais a falta de toda animadversión contra os romanos, que baixo o mandato de Pompeio profanarían o templo polo ano 63, dedúcese que a obra debeu ser escrita arredor do ano 100 a. C.*

3.3. *No tocante ao xénero literario, o libro non é unha simple crónica histórica, aínda que mostra unha meritoria proximidade aos feitos históricos, que o autor debeu vivir ou recibir dunhas fontes de primeira man. Para comprendelo cómpre que o remitamos ao xénero literario da historia relixiosa, isto é, a unha historia dos feitos de Deus en favor do seu pobo, algo semellante ao que na Biblia aparece reflectido noutros relatos históricos coma os libros de Samuel e dos Reis. Os alicerces teolóxicos das tales historias relixiosas son moi simples: Deus dirixe a historia; Deus garda fidelidade ao seu pobo; cando a historia lle fai malas xogadas ao pobo escolleito, é que antes o pobo escolleito se volveu contra Deus. As desfeitas históricas son un castigo correctivo de Deus.*

*A un cústalle admitir hoxe a viabilidade deste esquema tan simplista, que se esborrallou enteiramente na persoa de Xesús e na doutras persoas e pobos. Parece que o ver a historia baixo a luz da fe debería encamiñarnos por outro carreiro cara a interpretación dos feitos políticos. I Macabeos alenta a facelo así.*

*Non é bo ler o libro desvinculándoo de propio intento do contexto sociolóxico que lle deu luz. Visto desde unha perspectiva ten todos os aires de crónica dunha revolta regresiva, puritana e fanática, unha revolta máis desas que encheron a historia do Próximo Oriente e que aínda hoxe parecen ter vixencia. Toda posibilidade de abrirse a*

*un mundo novo queda desbotada, sen dar lugar a un san discernimento. Pero visto desde outra perspectiva un sente certa admiración por estes guerrilleiros que, movidos pola salvagarda da fe do seu pobo, se botaron ao monte e que coa súa resistencia protestaron destemidamente contra as potencias imperialistas seléucidas daquel tempo.*

**4. Canonicidade do libro**

*De primeiras non é fácil e cómodo ler todo isto, e ao remate dicir: Palabra de Deus. Sería esta mesma incomodidade a que levou á Igrexa a demorar o recoñecemento desta obra como libro canónico? Nin os xudeus nin os protestantes admiten a súa condición canónica.*

**5. O libro II dos Macabeos**

*Non é unha continuación de I Macabeos. Trátase dunha especie de afondamento teolóxico de partes de I Macabeos, en concreto dos sete primeiros capítulos deste libro. Principia a súa narración uns poucos anos antes de I Macabeos e remata aínda na vida de Xudas.*

5.1. *A obra ten dúas partes ben diferenciadas. Por unha banda, están os capítulos **1**, **1-2**, 8 nos que se recollen dúas cartas escritas por xudeus de Xerusalén e Xudea a xudeus de Exipto acerca da celebración da festa da Dedicación do templo. E pola outra, temos o resto do libro, capítulos **3-15**, nos que abundan circunstancias históricas novas respecto a I Macabeos, a maior parte delas tendentes a subliñar os aspectos dramáticos da persecución helenizante e as intervencións excepcionais de Deus en favor dos seus seguidores.*

5.2. *Os relatos da segunda parte ofrecen unha xustificación histórica e teolóxica da primeira: o templo de Xerusalén segue a ser o lugar privilexiado da presenza de Deus, polo que Deus mesmo se pon en acción, de xeito que os xudeus que viven na emigración deben respectar as datas festivas referentes a el e consideralo tamén como centro espiritual seu.*

*Por suposto que o templo leva consigo unhas determinadas concepcións relixiosas das que II Macabeos tamén é testemuño, que non se diferencian moito das descubertas en I Macabeos, por moito que engadan a estas certos aspectos novos como son a comprensión expiatoria do martirio (cc. **6** e **7**), a espera na resurrección dos corpos (c. **7**) e a incipiente doutrina da comuñón dos santos (cc. **12** e **15**). Coidamos que dentro do contexto estas pasaxes resultan secundarias, e dalgunha maneira están ao servizo do esquema simple de comprensión da intervención de Deus na historia que viamos xa en I Macabeos: o martirio e a resurrección dos mortos, segundo os ve o autor, encaixan perfectamente dentro das coordenadas teolóxicas da devandita intervención de Deus.*

5.3. *Se se mantén a ideoloxía relixiosa de fondo, varía en cambio o xénero literario co que se tenta chegar ao corazón do lector. Fronte á historia relixiosa de I Macabeos, atopámonos aquí cunha historia patética, empregada adoito polos contemporáneos helenos do autor de II Macabeos. O obxectivo deste xénero é introducir con vitalidade ao posible lector na dinámica do narrado, facerlle vivir aquilo fondamente, neste caso a admiración polos Macabeos e o asañamento polos seus inimigos. Os medios de que bota man son variados: cifras esaxeradas, epifanías maxestosas de Deus, retórica agresiva e libre emprego dos datos cronolóxicos. Moito máis ca I Macabeos, II Macabeos debe ser lido a través deste prisma literario. Máis ca diante dun historiador estamos diante dun predicador.*

5.4. *II Macabeos foi escrito en grego, e a súa meirande parte, a segunda dos capítulos **3-15**, non é máis ca un resumo dunha obra en cinco tomos dun historiador xudeu-helenista chamado Iasón de Cirene. Non coñecemos por outros datos nin o citado historiador nin a súa obra. Como tampouco sabemos con seguridade ata onde chegou a intervención do autor do resumo na reelaboración do primeiro escrito. A introdución (**2**, 19-23), o epílogo (**15**, 37-39) e algunhas pasaxes moralizantes, facilmente destacables, son de certo achegas do que condensou a obra orixinal. A personalidade deste compendiador énos descoñecida. Tamén ignoramos tanto a data da obra de Iasón de Cirene como a do resumo dela que é II Macabeos. Con toda probabilidade debe remitirse aos mesmos anos de I Macabeos, arredor do ano 100 a. C. II Macabeos tamén é libro deuterocanónico.*

# LIBRO PRIMEIRO DOS MACABEOS

## Introdución

**1** [1]Alexandre, o macedonio, o fillo de Filipo,
que reinaba en Grecia, saíu de Macedonia, venceu a Darío, o rei dos persas e dos medos, e reinou no seu sitio. [2]Despois fixo moitas guerras, ocupou fortalezas, asasinou reis, [3]chegou ata ao cabo do mundo, e apoderouse de multitude de nacións e a terra quedoulle sometida. Daquela ensoberbeceuse e encheuse de orgullo; [4]xuntou un exército moi potente e someteu ao seu imperio países, pobos e soberanos, que lle tiveron que pagar tributos. [5]Despois de todo isto encamou e, vendo que a cousa era de morte, [6]chamou aos xenerais máis ilustres, que se criaran con el desde a mocidade, e repartiulles o seu reino aínda antes de morrer. [7]Alexandre morreu cando levaba doce anos de reinado; [8]entón os seus xenerais fixéronse cargo do reino. [9]Despois que morreu todos se puxeron a coroa de rei, e logo os fillos deles por moitos anos, de xeito que se multiplicaron os males no mundo.

## Antíoco IV Epífanes

[10]Deles saíu un xermolo perverso, Antíoco Epífanes, fillo do rei Antíoco; estivera en Roma como refén e apoderouse do reino o ano cento trinta e sete da era seléucida. [11]Daquela houbo algúns israelitas malvados que convenceron ao pobo dicíndolle: –Veña, hai que facer un pacto coas nacións veciñas, pois desde que nos desvencellamos delas viñéronnos moitas desgrazas.

[12]A proposta caeu moi ben, [13]e algúns do pobo acordaron ir onda o rei; e o rei deulles autorización para seguiren os costumes pagáns; [14]entón, por se adaptaren aos usos pagáns, fixeron un ximnasio en Xerusalén, [15]disimularon os prepucios, abandonaron a alianza santa, emparentaron cos pagáns e vendéronse á maldade. [16]Antíoco, cando xa se sentiu seguro no seu trono, decidiu apoderarse tamén de Exipto, para reinar nos dous pobos. [17]Invadiu Exipto cun exército moi poderoso, con carros, elefantes, cabalos e cunha grande frota, [18]e atacou a Ptolomeo, o rei de Exipto. Ptolomeo colleu medo e fuxiu, pero tivo moitas baixas. [19]Entón Antíoco apoderouse das prazas fortes de Exipto e saqueou o país.

[20]O ano cento corenta e tres, de volta xa da conquista de Exipto, Antíoco subiu contra Israel e achegouse a Xerusalén cun exército poderoso. [21]Entrou todo fachendoso no santuario, colleu o altar de ouro, o candelabro con todos os seus utensilios, [22]a mesa dos pans presentados, as cuncas das libacións, as fontes, os incensarios, a cortina, as coroas, e arrincou todo o decorado de ouro que recubría o templo, [23]levou tamén a prata, o ouro, a vaixela de valor e os tesouros escondidos que puido atopar; [24]e marchou con todo para a súa terra, despois de causar moitas mortes e dicir arrogancias incribles.

[25]Óíronse queixas en todo Israel,
[26]laiáronse os príncipes e os vellos;
as mozas e os mozos perderon as forzas,
fóiselles ás mulleres a súa fermosura.
[27]Entoaron os casados cántigas de queixa,
as casadas no seu leito
enchéronse de tristura.
[28]Tremeu a terra
pola grima dos seus habitantes,
a casa de Xacob encheuse de vergonza.

[29]De alí a dous anos o rei mandou un axente do fisco ás cidades de Xudá e presentouse en Xerusalén cun exército moi grande; [30]fa-

**1**, 1-9 O autor comeza cun breve resumo para encadrar a súa historia. A importancia de Alexandre Magno, aínda co seu curto reinado, para o inzamento do helenismo foi extraordinaria.

**1**, 1 *Macedonia*, no orixinal "Kittim", nome hebreo para designar, entre outras partes, Macedonia.

**1**, 6 A afirmación do autor non é historicamente certa. Alexandre non fixo tal testamento cando morreu no 324; a división do seu imperio entre os diversos xenerais foi concertada por estes e durou pouco. Polos comezos do s. III só quedarían dúas dinastías, os Seléucidas en Siria e os Ptolomeos ou Láxidas en Exipto.

**1**, 10 *Antíoco IV Epífanes* estivera en Roma como refén despois que seu pai Antíoco III fora derrotado en Magnesia no ano 190. 1 Mac segue o cómputo da era dos seléucidas, ou do reinado dos gregos; conta a partir do reinado dos seléucidas en Siria, no 313-312; o 137 corresponde, pois, ao 175 a. C.

**1**, 13 Parece que un dos máis destacados foi Iasón, irmán do sumo sacerdote Onías (cf 2 Mac **4**, 7-20). Desde o primeiro momento a cualificación deste grupo de simpatizantes co mundo helénico é totalmente negativa e probablemente esaxerada. Para o autor aceptar a civilización helénica implicaba de seu unha ruptura co vínculo da fe tradicional xudía. Non se sabe de certo cales foron os contidos de tal helenización neste primeiro momento.

**1**, 18 Seguramente Ptolomeo VI Filométor (180-145 a. C.), case un pícaro daquela.

**1**, 20 Isto é, o ano 169 a. C.

**1**, 29 Cf 1 Mac **3**, 10-11 e 2 Mac **5**, 23b-26. Este axente do fisco era Apolonio, que chegou a Xerusalén no 167 con tales intencións.

loulles con falsidade palabras de paz e creron nelas. Pero de súpeto botouse contra a cidade e castigouna con moita dureza e matou a moitos israelitas. [31]Saqueou e incendiou a cidade, desfixo as súas casas e as murallas que a rodeaban, [32]levou cativas as mulleres e os nenos e apoderouse do gando. [33]Despois converteron a cidade de David nunha cidadela rodeándoa con murallas altas e fortes e tamén con torres. [34]Meteron na cidadela a pagáns perversos e a xudeus renegados que se instalaron alí para defendela; [35]almacenaron armas e mantenza e xuntaron alí os espolios que recolleron en Xerusalén, e deste xeito veu ser un grande perigo, [36]unha insidia para o santuario, unha ameaza continua para Israel.

[37]Verteuse sangue inocente
arredor do santuario e profanárono.
[38]Por culpa deles fuxiron os de Xerusalén,
que se converteu así
en morada de estranxeiros,
casa estraña para os seus,
abandonárona os seus fillos.
[39]O seu santuario quedou só
coma un deserto;
as súas festas convertéronse en dó,
os seus sábados, en oprobio;
o seu honor, en aldraxe.
[40]A súa deshonra igualou
a sona doutros tempos,
a súa magnificencia cambiouse en dó.

[41]O rei Antíoco mandou por un decreto que todos os súbditos do seu imperio formasen soamente un pobo, [42]e que cada un abandonase os seus costumes particulares. Todas as nacións se aviñeron ao mandado polo rei, [43]e moitos israelitas adoptaron a relixión mandada, sacrificando aos ídolos e profanando o sábado. [44]O rei mandou mensaxeiros a Xerusalén e ás cidades de Xudá con ordes escritas para que todos seguisen as leis estranxeiras; [45]nelas prohibíase ofrecer holocaustos no santuario, os sacrificios e as libacións, gardar os sábados e as festas; [46]e mandábase contaminar o santuario e os fieis, [47]construír altares, templos e ídolos, e sacrificar porcos e animais impuros; [48]mandábase tamén que non circuncidasen aos nenos e que se profanasen a si mesmos con impurezas e abominacións de toda clase, [49]de xeito que esquecesen a Lei, e cambiasen todos os costumes. [50]O que non cumprise as ordes do rei sería condenado a morte. [51]Isto foi o decreto publicado en todo o reino. Puxo inspectores en todo Israel, e mandou que se ofrecesen sacrificios en todas as cidades de Xudá, unha por unha. [52]Xuntóuselles moita xente do pobo, todos os traidores á Lei, e cometeron tan grandes barbaridades no país [53]que os israelitas verdadeiros tiveron que acocharse en calquera escondedoiro que aparecese.

[54]O día quince de *Kisleu* do ano cento corenta e cinco puxeron enriba do altar unha ara sacrílega, e despois foron poñendo aras por todas as cidades de Xudá; [55]ofrecían incenso diante das portas das casas e nos rueiros, [56]rachaban os libros da Lei que atopaban e botábanos ao lume. [57]O que tivese un Libro da Alianza e o que vivise de acordo coa Lei era condenado a morte, segundo o decreto real. [58]Un mes atrás doutro facían o mesmo cos israelitas que se atopaban nas súas cidades. [59]O día vinte e cinco de cada mes sacrificaban na ara construída enriba do altar dos holocaustos. [60]Mataban as nais que circuncidaban os seus fillos, segundo mandaba o decreto, [61]cos meniños colgados ao pescozo; saqueaban as casas e mataban os que circuncidasen os nenos. [62]Pero houbo moitos en Israel que se mantiveron firmes na súa decisión de non comer nada impuro; [63]e preferían antes morrer que lixarse cos alimentos e profanar a alianza santa; e morreron. [64]A cólera que descargou sobre Israel foi cousa terrible.

### Rebelión de Matatías

**2** [1]Daquela xurdiu Matatías, fillo de Xoán, fillo de Simeón, sacerdote da familia de Ioarib; era de Xerusalén, pero vivía en Modín. [2]Tiña cinco fillos: Xoán, alcumado Cadix; [3]Simón, alcumado Tasí; [4]Xudas, alcumado Macabeo; [5]Elazar, alcumado Avarán, e Ionatán, alcumado Aptos. [6]Ao ver Matatías as abominacións que se estaban cometendo en Xudá e mais en Xerusalén, [7]dixo: –Pobre de min! Por que nacín eu para ver a desfeita do meu pobo e da cidade santa? Eu aquí sen-

**1**, 33 *Cidadela*, acrópole ou cidade alta, era unha zona especialmente boa para a defensa desde a que se dominaba o templo. Non é moi doado fixar o seu emprazamento. Aínda cando os xudeus gobernaban o país, alí residía unha gornición siria.

**1**, 41 A finalidade do edicto, que logo derivou en edicto persecutorio, era a unificación política e social dos seus dominios. Con estas medidas Antíoco deixaba a un lado as concesións feitas por seu pai Antíoco III aos xudeus no 198, que incluían o recoñecemento da Lei de Moisés.

**1**, 54 *Kisleu*: nov./dec. O ano 145 vén ser o 167 a. C. *Ara sacrílega* ou lit. "abominación da desolación": cf Dn **9**, 27; **11**, 31; **12**, 11; 2 Mac **6**, 2, a ara de Zeus Olímpico.

**2**, 4 Cada un dos sobrenomes ten un significado para nós difícil de concretar. *Macabeo*, co seu sentido de "martelo", parece referirse aos éxitos guerreiros de Xudas.

tado mentres a cidade está en poder do inimigo, e o seu santuario en mans alleas!
[8]O seu templo
é coma un home deshonrado;
[9]os seus vasos preciosos
foron levados como botín;
os seus neniños
foron asasinados nos torreiros;
os seus mozos
caeron baixo a espada inimiga.
[10]Que nación non ocupou
os seus palacios,
e non se apoderou dos seus espolios?
[11]Roubáronlle toda a súa fermosura,
era libre e fixérona escrava.
[12]Velaí o noso santuario:
era o noso honor e a nosa gloria,
e está desolado
e profanado polos pagáns.
[13]Para que seguir vivindo?
[14]Matatías e os seus fillos racharon os seus vestidos, puxéronse un saio e fixeron un dó moi grande. [15]No intre chegaron a Modín os enviados do rei para facer apostatar pola forza mediante a ofrenda do incenso; [16]moitos israelitas fixeron o que lles mandaban, mentres Matatías e os seus fillos quedaron a un lado.

[17]E os enviados do rei dixéronlle: –Ti es un personaxe de sona e grande nesta cidade, amparado por moitos fillos e parentes; [18]así que achégate ti, o primeiro, e fai o que o rei mandou, como xa o fan todas as nacións, os mesmos xudeus e os que quedaron en Xerusalén. Ti e mais os teus fillos seredes amigos do rei e hásevos dar ouro e prata e moitos regalos.

[19]Matatías respondeulle en voz alta: –Aínda que todas as nacións do imperio abandonen a relixión de seus pais e obedezan ao rei, [20]eu e mais os meus fillos e parentes viviremos segundo a alianza de nosos pais. [21]Deus nos libre de abandonar a Lei e os nosos costumes! [22]Non faremos caso ás ordes do rei, non nos apartaremos da nosa relixión nin á dereita nin á esquerda.

[23]Aínda non acabara de falar, cando saíu un xudeu alí ao medio de todos para ofrecer incenso sobre a ara de Modín, segundo o que mandara o rei. [24]Ao velo, Matatías sentiu tanta indignación que ata tremía de carraxe, e levado dunha arroutada santa foi correndo e cortoulle a cabeza a aquel home enriba do altar. [25]E no mesmo acto matou ao enviado do rei que obrigaba a sacrificar, e desfixo o altar. [26]Así mostrou o seu celo pola Lei, como fixera Pinhás con Zimrí, o fillo de Xalum. [27]Logo empezou a berrar Matatías na cidade, e dicía: –Todo o que sinta celo pola Lei e queira manter a alianza, que me siga!

[28]E botouse ao monte cos seus fillos, deixando na cidade todo canto tiña. [29]Por aquel tempo moitos que querían vivir segundo dereito e xustiza, baixaban ao deserto [30]cos seus fillos, as súas mulleres e o seu gando, e instaláronse alí, pois as desgrazas xa non tiñan medida. [31]Aos enviados do rei e ás tropas que había en Xerusalén chegoulles a nova de que algúns homes baixaran para esconderse no deserto despois de desobedecer as ordes do rei; [32]seguíronos moitos; deron con eles, e acamparon enfronte deles, e atacáronos un sábado. [33]Dicíanlles: –Non vos avisamos máis. Saíde e cumpride as ordes do rei, e viviredes.

[34]Pero eles contestaron: –Non sairemos nin cumpriremos as ordes do rei profanando o sábado.

[35]Os soldados atacáronos deseguida, [36]e eles non replicaron, nin lles tiraron unha pedra, nin cubriron os refuxios; [37]dicían: –Morramos todos aínda sendo inocentes, e que o ceo e mais a terra sexan testemuñas de que nos matades inxustamente.

[38]E atacáronos en sábado. E morreron eles, coas súas mulleres, os seus fillos e o seu gando; eran arredor de mil persoas. [39]Cando o souberon Matatías e os seus fillos, doeulles moito, [40]pero comentaban: –Se todos facemos coma os nosos irmáns, e non loitamos contra os pagáns pola nosa vida e pola nosa Lei, axiña nos farán desaparecer da terra.

[41]E aquel mesmo día tomaron esta decisión: a calquera que nos ataque en sábado responderémoslle loitando, e non nos deixaremos matar todos, coma os nosos irmáns,

**2**, 13 Comeza a resistencia. As motivacións son primeiramente relixiosas, logo iranse desprazando cara ao eido político, o que fará que os Macabeos chamados Asmoneos a partir de Simón se vexan encerellados en feitos ambiguos e vaian perdendo a credibilidade diante dos homes relixiosos de verdade. A guerra santa foi precedida e acompañada por veces da resistencia pasiva.

**2**, 18 O título de *amigos do rei* aparece moitas veces no libro (**3**, 38; **7**, 8; **10**, 16. 20. 60. 65; etc.). Era un título que levaba consigo a tenencia de cargos de importancia no reino.

**2**, 21 Por respecto ao nome de Deus o autor nunca o emprega directamente no seu escrito, senón valéndose de expresións que o suxiren, coma Ceo (cf o texto grego de **3**, 18ss; **4**, 10, etc.).

**2**, 29 É o deserto de Xudá, situado na banda esquerda do mar Morto. Son os devanceiros de grupos monásticos que escollerían ese xeito de opoñerse á inxustiza establecida.

**2**, 41 Fronte á interpretación rigorista de Éx **16**, 29 feita polo grupo anterior, Matatías e os seus fillos acordan tomar unha actitude máis realista.

nos nosos refuxios. [42]Entón xuntóuselles un grupo de asideos, israelitas loitadores, todos moi apegados á Lei; [43]xuntáronselles tamén todos os que escapaban dalgunha persecución, e con isto víronse reforzados, [44]ata o punto de formar un exército, e con el cargaron con asañamento e carraxe contra os pecadentos e desleigados. Os que se libraban buscaban refuxio entre os pagáns. [45]Matatías e os seus partidarios percorreron as cidades desfacendo as aras [46]e obrigando a circuncidar a todos os pequenos non circuncidados de Israel e [47]perseguindo aos rebeldes. O seu poder medraba cada vez máis, [48]de xeito que defenderon a Lei contra os pagáns e os reis, e non se deixaron asoballar polos malvados.

### Testamento de Matatías

[49]Cando lle chegou a hora de morrer, Matatías díxolles aos seus fillos: –Polo de agora triunfou a soberbia e o impudor; son tempos de subversión e de carraxe. [50]Meus fillos, sede celosos da Lei e dade a vida pola alianza dos vosos maiores. [51]Lembrádevos das fazañas que os vosos antepasados fixeron no seu tempo e acadaredes gloria e sona sen medida. [52]Abraham permaneceu fiel no medio dos pobos, e isto consideróuselle como positivo. [53]Xosé gardou a Lei nos días difíciles, e chegou a ser amo de Exipto. [54]Pinhás, o noso pai, polo seu grande celo, recibiu a promesa do sacerdocio eterno. [55]Xosué por cumprir a Lei chegou a ser xuíz de Israel. [56]Caleb, polo seu testemuño diante do pobo, recibiu a herdade da terra. [57]David, pola súa misericordia, herdou o trono real polos séculos dos séculos. [58]Elías, polo seu grande celo pola Lei, foi arrebatado para o ceo. [59]Hananías, Azarías e Mixael, pola súa fe, foron librados do lume. [60]Daniel, pola súa inocencia, foi librado da boca dos leóns. [61]Reparade deste xeito en todas as xeracións e veredes como os que confían en Deus xamais non se senten burlados. [62]Non lles teñades medo ás ameazas dese malvado, pois que a súa galanura hase converter en esterco e vermes. [63]Hoxe anda todo fachendoso, pero mañá desaparecerá, volverá ao po e os seus plans quedarán en nada. [64]Vós, meus fillos, sede valentes e combatede coma homes pola Lei, e así chegaredes a ter moita gloria. [65]Eu ben sei que o voso irmán Simón é home asisado; escoitádeo sempre, e que el sexa coma un pai para vós. [66]Xudas o Macabeo é forte e valente xa desde mozo; que sexa o capitán das tropas e que dirixa a guerra contra o estranxeiro. [67]A ver se atraedes a todos os que gardan a Lei, e vingades as aldraxes do voso pobo. [68]Dádelles aos pagáns o seu merecido e tede moito coidado en cumprir os preceptos da Lei.

[69]E despois de os bendicir, foise xuntar cos seus antepasados. [70]Morreu o ano cento corenta e seis. Os fillos enterrárono no sartego de seus pais, en Modín, e todo Israel fixo grandes funerais por el.

### Xudas o Macabeo

**3** [1]Sucedeuno o seu fillo Xudas, chamado o Macabeo; [2]apoiárono seus irmáns e todos os que seguiran a seu pai; e loitaban por Israel con moito ánimo.

[3]Xudas espallou a sona do seu pobo;
púxose a coiraza coma un xigante,
colleu as armas para facer a guerra
e defendeu coa espada
os seus campamentos.
[4]Semellaba un león nas súas fazañas,
un cachorriño que brada pola presa.
[5]Perseguiu aos renegados
ata os seus refuxios
e fixo queimar
os axitadores do seu pobo.
[6]Os desleigados colléronlle medo
e turbáronse os malfeitores;
as súas mans
fixeron triunfar a liberación.
[7]Deu que pensar e facer a moitos reis
e foi a ledicia de Xacob
coas súas fazañas.
O seu recordo será bendito por sempre.
[8]Percorreu as cidades de Xudá,
acabou cos impíos que nelas había
e arredou de Israel a carraxe de Deus.
[9]A súa sona encheu a terra
e xuntou un pobo en desfeita.

### As vitorias de Xudas, o Macabeo

[10]Apolonio organizou un exército de estranxeiros e veu de Samaria con moitas tropas para facerlle a guerra a Israel. [11]Pero cando o soubo Xudas, foille ao encontro, venceuno e matouno; moitos dos inimigos morreron e os demais fuxiron. [12]Recolleron os espolios

**2**, 42 *Asideo* quere dicir "piadoso". Era un grupo xa vixente de reacción contra o influxo pagán, que se engadiu á revolta macabea, aínda que logo romperon cos macabeos e deron orixe a dous grupos: fariseos e mais esenios.
**2**, 61 Esta é unha das ideas forza da dinámica relixiosa do libro. Aínda que dita en absoluto a frase teña un sentido tremendamente valedoiro, a interpretación histórica concreta que lle deron moitos grupos relixiosos -os macabeos incluídos- é moi discutible.
**2**, 70 Isto é, o ano 166 a. C.
**3**, 10 *Apolonio* é o axente do fisco de **1**, 29; Xosefo di del que era gobernador de Samaria (cf 2 Mac **4**, 21; **5**, 24).

e entre eles a espada de Apolonio, que desde aquela Xudas empregou sempre na guerra. [13]Cando soubo Serón, xefe do exército de Siria, que Xudas xuntara moita xente e que, polo celo da Lei, loitaban canda el, [14]díxose: Voume facer famoso e collerei gloria no imperio vencendo a Xudas e á súa xente que fan risa das ordes do rei.

[15]Preparouse e subiu cun exército poderoso, ao que se xuntaron os impíos para axudarlle a vingarse dos israelitas. [16]Ao chegaren á costa de Bethorón, saíulles ao encontro Xudas cuns poucos homes; [17]cando viron o exército que viña contra eles, dixéronlle a Xudas: –E como imos loitar nós contra esa chea de xente, nós que somos tan poucos e que andamos mazmidos, sen comer en todo o día?

[18]Xudas contestoulles: –É cousa fácil que uns poucos poidan con tanta xente, pois que a Deus tanto lle ten salvar con moitos coma con poucos; [19]a vitoria na guerra non depende do número de soldados, xa que a forza vén do ceo. [20]Eles véñennos atacar cheos de fachenda e impiedade para esnaquizarnos e para apoderarse das nosas mulleres e dos nosos fillos, [21]pero nós loitamos pola nosa vida e os nosos costumes. [22]Deus vainos esmagar a eles diante de nós; non lles teñades medo.

[23]Cando acabou de falar, botouse de súpeto contra eles, e derrotou a Serón e ao seu exército. [24]Perseguírono pola baixada de Bethorón ata a terra chá; quedaron no campo de batalla uns oitocentos homes, e os demais fuxiron ao país dos filisteos. [25]Con isto as nacións veciñas deron en sentir abraio e medo por Xudas e mais por seus irmáns. [26]A súa sona chegou aos oídos do rei, pois todos falaban das súas batallas. [27]Cando o rei Antíoco coñeceu todo isto, alporizouse moitísimo e mandou xuntar todas as forzas do imperio, un exército moi poderoso. [28]Abriu os seus tesouros e deulles aos soldados a paga dun ano, e mandoulles que estivesen preparados para calquera eventualidade. [29]Pero, ao ver que se lle acababan os tesouros e que os tributos eran poucos, debido ás disensións e ás desgrazas que el mesmo motivara no país coa súa teima por acabar coas leis que viñan de vello, [30]entón colleu medo de que, como xa lle pasara outras veces, non lle chegase para os gastos e os regalos que adoitaba facer con máis xenerosidade ca os reis anteriores a el. [31]Véndose neste apuro, decidiu ir a Persia para cobrar os tributos daquelas rexións e xuntar moitos cartos. [32]Deixou a Lisias, home ilustre e de familia real, á fronte do goberno, desde o Éufrates ata as fronteiras de Exipto, [33]e encargoulle que coidase do seu fillo Antíoco ata que volvese. [34]Deixoulle a metade do exército e os elefantes e mandoulle executar os seus plans, maiormente os referentes a Xudá e Xerusalén: [35]que mandase un exército contra eles para desfacer totalmente as forzas de Israel e o que quedaba de Xerusalén; [36]que borrase o seu recordo daquel sitio e que repartise o país entre xente do estranxeiro. [37]O rei levou con el a outra metade do exército. O ano cento corenta e sete saíu de Antioquía, a capital do seu Imperio, e atravesando o Éufrates dirixiuse cara ás rexións do norte.

[38]Lisias escolleu a Ptolomeo de Dorimeno, a Nicanor e a Gorxias, homes valentes e amigos do rei, [39]e mandounos con corenta mil homes e sete mil cabalos para que invadisen e arrasasen Xudea, segundo as ordes do rei. [40]Partiron con todo o seu exército e foron acampar cerca de Emaús, na terra chá. [41]Cando os tratantes do país souberon que chegara, foron deseguida ao campamento con moito ouro e prata e con cadeas para compraren os israelitas como escravos. Tamén se lles xuntaron tropas de Idumea e de Filistea.

[42]Xudas e seus irmáns viron que a cousa se lles poñía moi seria, pois os exércitos acampaban no seu territorio e coñecían tamén as ordes do rei de destruír e de exterminar o pobo; [43]entón dixéronse: –Defendamos o noso pobo desta desfeita. Loitemos pola nosa nación e polo noso templo.

[44]E a xente xuntouse para prepararse para a guerra e rezaban pedíndolle a Deus piedade e misericordia.

[45]Xerusalén estaba despoboada
coma un deserto,
ningún dos seus fillos entraba nin saía.
O seu santuario era desprestixiado,
os estranxeiros vivían na cidadela,
cova de pagáns.
A ledicia de Xacob desaparecera,
non se oían nin a frauta nin a cítara.

**3**, 13 Tamén segundo Xosefo, *Serón* era gobernador de Celesiria.

**3**, 16 *Bethorón* era unha cidade de especial importancia estratéxica pola súa situación á entrada do val das terras filisteas.

**3**, 32 *Lisias* foi un personaxe importante na Xudea destes tempos, tanto ao primeiro como encargado polo rei Antíoco IV desta parte do imperio, como despois ao usurpar a rexencia de Antíoco V, que pertencía a Filipo (cf **4**, 26ss; **6**, 5ss; **7**, 1-4).

**3**, 37 É dicir, o ano 165 a. C.

**3**, 38 Destes personaxes atopamos referencias en 2 Mac **10**, 12 (Ptolomeo), 2 Mac **8**, 9 (Nicanor) e 2 Mac **10**, 14 (Gorxias).

46Xuntáronse e foron a Mispah, fronte a
Xerusalén, pois noutros tempos Israel tiña
en Mispah un templo. 47Aquel día fixeron
xaxún, puxéronse un saio, botaron cinsa pola
cabeza e racharon os vestidos; 48desenvolve-
ron o libro da Lei e procuraron nel o que os
pagáns procuran nos seus ídolos. 49Levaron
os vestidos sacerdotais, as primicias e os dé-
cimos, e fixeron ir aos nazireos que xa acaba-
ran os días do seu ofrecemento, 50e berraron
ao ceo dicindo: –Que imos facer con estes e
onde os imos levar? 51O teu templo está pa-
teado e profanado e os teus sacerdotes andan
tristeiros e humillados; 52e agora os pagáns
xuntáronse para exterminarnos. Ti ben sabes
os plans que teñen contra nós. 53Como lles
imos facer fronte, se ti non nos axudas?

54Tocaron as trompetas e deron grandes
berros. 55Despois Xudas nomeou aos xefes
do pobo para que mandase cadaquén en mil,
cen, cincuenta e dez homes. 56E aos que es-
taban facendo unha casa, aos que casaran,
aos que acababan de plantar unha viña e aos
coitados díxolles que se volvesen para a súa
casa, como manda a Lei.

57Despois fóronse de alí e acamparon ao sur
de Emaús. 58Xudas díxolles: –Preparádevos,
sede valentes e dispoñédevos a loitar mañá
pola fresca contra eses pagáns que se xunta-
ron contra nós para acabar connosco e co noso
templo. 59É mellor morrer loitando que ver as
calamidades do noso pobo e do noso templo.
60Que se faga en todo a vontade de Deus.

### Batalla de Emaús

**4** 1Gorxias colleu cinco mil homes de infan-
tería e mil cabaleiros escolleitos e levan-
tou o campamento de noite, 2para atacar de
súpeto ao exército xudeu e desfacelo. Servír-
onlle de guieiros algúns da cidadela. 3Xu-
das sóuboo e entón foi cos seus guerreiros
para atacar o exército do rei que quedara en
Emaús, 4mentres o groso do exército anda-
ba lonxe do campamento. 5Gorxias chegou
de noite ao campamento de Xudas, e, como
non atopou a ninguén, púxose a buscalos po-
los montes, pensando que fuxiran del. 6Pola
mañanciña apareceu Xudas na terra chá
con tres mil homes, aínda que sen escudos
e espadas que quixeran ter. 7Cando viron o
campamento dos pagáns, fortificado e ben
equipado, protexido pola cabalaría e con
guerreiros experimentados, 8Xudas díxolles
aos seus compañeiros: –Non lle teñades
medo a esa multitude, nin vos acovardedes
pola súa combatividade. 9Recordade como se
salvaron os nosos maiores no mar Vermello,
cando os perseguía o Faraón co seu exército.
10Fagamos chegar ao ceo a nosa voz para
que Deus nos bote unha man e se lembre da
alianza que fixo con nosos pais, e desfaga
hoxe diante de nós este exército. 11Así todos
os pobos se decatarán de que hai alguén que
libra e salva a Israel.

12Cando os inimigos levantaron os ollos e
viron que viñan de fronte, 13saíron do campa-
mento para a batalla. Os de Xudas tocaron as
trompetas 14e comezou o combate. Os pagáns
foron derrotados e fuxiron cara á terra chá;
15os fuxitivos máis retrasados caeron mortos
a espada. Aos outros fóronos perseguindo
ata Guézer e a terra chá de Idumea, Axdod
e Iamnia; matáronlles uns tres mil homes.
16Cando Xudas e o seu exército volveron
de perseguir os inimigos, 17díxolle el á súa
xente: –Non devezades polos espolios, por-
que aínda temos outra batalla. 18Gorxias anda
cos seus soldados polos montes do arredor.
Así que agora facédelle fronte ao inimigo e
loitade, e despois xa recolleredes os espolios
devagariño.

19Aínda estaba Xudas falando, cando aso-
mou polo monte unha división inimiga. 20De-
catáronse deseguida de que os seus fuxiran e
de que o campamento estaba ardendo, pois o
fume que saía era unha boa proba; 21queda-
ron abraiados, e ao ver que o exército de Xu-
das estaba disposto para o combate na terra
chá, 22fuxiron todos cara ao país dos filisteos.
23Entón Xudas volveu para apañar os espo-
lios do campamento. Colleron moito ouro,
prata, panos de púrpura vermella e violeta e
grandes riquezas. 24E foron de volta cantán-
dolle loanzas e bendicións a Deus,

“porque é bo,
porque o seu amor dura para sempre”.

25Aquel día Israel conseguiu unha gran vi-
toria.

**3**, 46 Xa de vello (Xuí **20**, 1-3; 1 Sam **7**, 5-14; **10**, 17). *Mispah*, 13 km ao N de Xerusalén, era lugar de oración e xuntanzas dos israelitas. Nas circunstancias presentes a súa utilización para tales fins volvía estar xustificada.

**3**, 48 Ao non haber profeta, o oráculo ou resposta tranquilizadora que o pagán intentaba atopar nos seus ídolos, procúrano os xudeus no libro da Lei (2 Mac **8**, 23).

**3**, 49 Sobre *os nazireos*, véxase **6**, 13-19. Ao rematar o seu voto debían ofrecer un sacrificio no templo.

**3**, 56 Cf Dt **20**, 5-8.

**4**, 15 Cf Xos **10**, 33.

### Derrota de Lisias

[26]Os estranxeiros que conseguiran fuxir fóronlle contar a Lisias todo o que pasara;
[27]ao escoitar tales novas, quedou abraiado e
aflixido, porque en Israel as cousas non marchaban como el quería e como lle mandara
o rei. [28]Así que, ao seguinte ano recrutou sesenta mil infantes e cinco mil cabaleiros para
acabar dunha vez cos xudeus. [29]Chegou por
Idumea e acampou en Betsur. Xudas saíulle
ao encontro con dez mil homes [30]e, ao ver
aquel exército tan grande, rezou así: –Bendito es ti, Salvador de Israel, que destruíches
a forza do xigante valéndote do teu servidor
David, e puxeches o campamento dos filisteos nas mans de Ionatán, o fillo de Xaúl, e
do seu escudeiro. [31]Pon agora este exército
nas mans do teu pobo, Israel; e que a súa
infantería e a súa cabalaría queden avergonzadas. [32]Éncheos de medo, bota por terra a
seguridade que teñen no seu poderío e que se
avergoncen coa derrota. [33]Derrótaos coa espada dos que te queren, para que che canten
himnos todos os que coñecen o teu nome.
[34]Empezou o combate, e morreron cinco
mil homes do exército de Lisias. [35]Ao ver Lisias a derrota do seu exército e o valor das
tropas de Xudas, disposto a vivir ou morrer
con gloria, marchou para Antioquía con fin
de recrutar tropas mercenarias e volver outra
vez contra Xudea mellor preparado.

### Purificación do templo

[36]Daquela Xudas e seus irmáns dixeron:
–Agora que xa derrotamos os nosos inimigos, imos purificar e consagrar o templo.
[37]Xuntouse todo o exército e subiron ao
monte Sión. [38]Viron o templo desolado, o altar profanado, as portas queimadas, a herba
medrando nos adros, coma se fosen montes
ou carballeiras, e os cuartos do templo destruídos; [39]entón racharon os vestidos e manifestaron unha grande dor botando cinsa pola
cabeza abaixo [40]e abaténdose contra o chan;
e a un sinal das trompetas, clamaron ao ceo.
[41]Xudas mandou a algúns dos seus homes
que tivesen á raia aos da cidadela mentres
purificaban o templo. [42]Escolleu sacerdotes
sen defectos e amantes da Lei, [43]que purificaron o templo e botaron na inmundicia as
pedras do altar idolátrico. [44]Despois deliberaron o que cumpriría facer co altar dos holocaustos profanado [45]e acordaron destruílo;
así non sería unha deshonra para eles por ser
profanado polos pagáns. Destruíron, pois,
o altar [46]e colocaron as pedras no monte do
templo, nun sitio axeitado, ata que un profeta dixese o que había que facer coas pedras.
[47]Logo colleron pedras sen labrar, conforme
o manda a Lei, e fixeron un altar noviño,
igual ca o de antes. [48]Fixeron o santuario e
o interior do templo, e consagraron os adros.
[49]Fixeron vasos sagrados novos e meteron
no templo o candelabro, o altar do incenso
e a mesa. [50]Queimaron incenso derriba do altar e acenderon as lámpadas do candelabro
para que alumasen no templo. [51]Colocaron os
pans derriba da mesa e colgaron as cortinas.
E con isto puxeron fin ao seu traballo.
[52]O día vinte e cinco do mes noveno, o mes
de *Kisleu*, do ano cento corenta e oito, erguéronse moi cediño [53]para ofrecer o sacrificio
que manda a Lei no altar dos holocaustos que
acababan de construír. [54]Xustamente no mesmo día e mes en que os pagáns o profanaran
volvérono consagrar eles cantando himnos
ao son da cítara, das arpas e dos pandeiros.
[55]Todo o pobo se abateu contra o chan adorando e dándolle grazas a Deus polo triunfo
que lles dera. [56]Celebraron a consagración
durante oito días ofrecendo con ledicia holocaustos e sacrificios de paz e de loanza.
[57]Enfeitaron a fachada do templo con coroas
de ouro e con escudos, e reconstruíron as
portadas e os cuartos e puxéronlles portas.
[58]Moita festa fixo o pobo por poder arredar
de si a aldraxe dos pagáns. [59]Por último, Xudas e seus irmáns e toda a asemblea de Israel
mandaron que todos os anos se festexase con
moita ledicia o recordo da nova consagración
do altar durante oito días a partir do día vinte
e cinco do mes de *Kisleu*. [60]Daquela construíron murallas e torres fortes e grandes arredor
do monte Sión, para que, se viñan os pagáns,

**4**, 29 *Betsur*: situada entre Xudea e Idumea, ao N de Hebrón, cidade de grande importancia estratéxica por dominar o camiño entre o mar Morto e Xudea por Idumea.
**4**, 36 *O templo* (cf Introdución) era unha das ideas-forza da revolta macabea. Era símbolo e realidade a un tempo de toda a estrutura teocrática da sociedade xudía. De aí que o primeiro a facer despois da vitoria fose purificar e consagrar o templo profanado pola presenza nel de obxectos pagáns (cf 1 Mac **1**, 21ss; **1**, 54).
**4**, 37 É dicir, ao templo situado no monte Sión.
**4**, 46 Sobre o destino das pedras do altar idolátrico non se dubida. En cambio non se sabe que facer coas pedras do altar dos holocaustos, consagradas aínda que profanadas. O recurso a un profeta futuro repetirase varias veces no libro (cf **9**, 27; **41**, 41).
**4**, 47 Cf Éx **20**, 25; Dt **27**, 5-6.
**4**, 52 Isto é, por decembro do ano 164 a. C., aos tres anos da profanación feita polo rei Antíoco (cf 1 Mac **1**, 54).
**4**, 59 A festa celebrábase nos tempos de Xesús (cf Xn **10**, 22). Polo emprego que se facía nela dunhas lampadiñas, deuse en chamar "festa das Luminarias".

non o puidesen profanar, como fixeran antes;
61e deixou alí unha gornición para que o defendese. Fortificou tamén Betsur, para que o pobo tivese unha defensa pola porta de Idumea.

### Campañas contra pobos veciños

**5** 1Cando os pobos veciños souberon que os xudeus reconstruíran o altar e restauraran o templo coma antes, alporizáronse moitísimo, 2e decidiron acabar cos descendentes de Xacob que vivían entre eles; empezaron a matar e a perseguir xente do pobo. 3Entón Xudas declarou a guerra aos descendentes de Esaú en Acrabatene, Idumea, porque se andaban metendo con Israel. Derrotounos completamente, someteunos e saqueounos. 4Tamén se lembrou da maldade dos beonitas, un gran perigo para o pobo coas súas emboscadas nos camiños. 5Obrigounos a meterse nas torres, cercounos e entregounos ao anatema e pegoulles lume ás torres con todos os que se atopaban dentro. 6Despois marchou contra os amonitas e atopouse cun exército forte e numeroso mandado por Timoteo. 7Atacounos varias veces, ata que os esnaquizou totalmente. 8Apoderouse de Iézer e da súa bisbarra e volveuse para Xudea.

9Os pobos de Galaad tamén se xuntaron contra os israelitas que vivían no seu territorio, para acabar con eles. Os israelitas refuxiáronse na cidadela de Dotema, 10e mandáronlle a Xudas e a seus irmáns a seguinte mensaxe: "Xuntáronse contra nós os pobos do arredor e queren acabar con nós, 11e estanse dispoñendo para vir e apoderarse da fortaleza na que nos refuxiamos; Timoteo é o xeneral do exército. 12Vennos librar das súas mans, porque moitos dos nosos xa caeron 13e todos os nosos irmáns da rexión de Tob foron asasinados; e roubaron as súas mulleres, os seus fillos e os seus bens; morreron alí unhas mil persoas".

14Estaban lendo a carta, cando chegaron outros mensaxeiros de Galilea coa roupa rachada, 15anunciando que Ptolemaida, Tiro e Sidón e todos os xentís de Galilea se xuntaran contra eles para aniquilalos. 16Cando Xudas e o seu pobo oíron tales novas, convocouse unha xuntanza especial para deliberar o que cumpriría facer polos seus irmáns naquel intre angustioso, atacados polos seus inimigos. 17Xudas díxolle a seu irmán Simón: –Colle xente contigo e vai librar os nosos irmáns de Galilea; eu e mais meu irmán Ionatán iremos a Galaad.

18Deixou o resto do exército ao mando de Xosé, o de Zacarías, e de Azarías para que defendesen Xudá, 19e deulles esta orde: –Quedade ao mando do pobo, pero non loitedes cos pagáns ata que nós volvamos.

20Simón colleu tres mil homes para ir a Galilea, e Xudas oito mil para ir a Galaad. 21Simón saíu para Galilea, e, despois de moitos combates cos pagáns, derrotounos 22e perseguiunos ata as portas de Ptolemaida; morreron uns tres mil pagáns e Simón apoderouse dos seus espolios. 23Despois colleu os xudeus que vivían en Galilea e en Arbatah, coas súas mulleres, os seus fillos e todo canto tiñan, e levounos para Xudea no medio dunha gran alegría. 24Xudas o Macabeo e seu irmán Ionatán atravesaron o Xordán e camiñaron tres días polo deserto; 25atopáronse cos nabateos que os recibiron moi ben e que lles contaron o que lles pasara aos seus irmáns xudeus de Galaad: 26moitos estaban prisioneiros en Bosrah, en Béser, en Alemah, en Casfor, en Maqued e en Carnaim, todas elas cidades grandes e fortes; 27outros xuntáronse nas outras cidades de Galaad; o inimigo mandara atacar ao día seguinte as prazas fortes, conquistalas e acabar con todos os xudeus nun só día.

28Xudas e o seu exército atravesaron deseguida o deserto dirixíndose cara a Bosrah; apoderouse da cidade, matou a todos os homes, rapinouno todo e púxolle lume. 29Pola noite fóronse de aí e dirixíronse cara á fortaleza. 30Ao abrente viron unha chea de xente con escadas e máquinas de guerra, disposta a atacar a fortaleza. 31Ao ver que xa comezara o ataque e que da cidade subían ao ceo berros de combate e o son das trompetas, 32díxolles aos seus soldados: –Loitade hoxe por vosos irmáns.

**5**, 3 *Acrabatene*, lugar situado na ribeira SO do mar Morto, lindando con Idumea, chamado en Núm **34**, 4 e Xos **15**, 3 Acrabim, "subida dos escorpións".
**5**, 4 Posible grupo seminómade que se movía polos arredores de Iericó.
**5**, 8 *Iézer*, cidade amonita que pertencía á tribo de Gad, na Transxordania.
**5**, 15 *Ptolemaida*, nome grego posto por Ptolomeo II no ano 261 a. C. á cidade chamada Acre.
**5**, 23 *Arbatah*, lugar ou aldea da baixa Galilea, difícil de situar.
**5**, 25 *Nabateos*, pobo árabe, de orixe aramea, comerciante, que se espallou polas terras de Edom e Moab e polo sur de Palestina.
**5**, 26 Cidades todas elas situadas na alta Transxordania.
**5**, 29 *A fortaleza* de Dotemah, do v. 9.

[33]E avanzaron en tres grupos polas costas do inimigo, tocaban as trompetas e rezábanlle a Deus berrando. [34]Cando o exército de Timoteo se decatou de que era o Macabeo, botaron a correr. A desfeita foi moi grande e quedaron no sitio ata oito mil inimigos mortos. [35]Logo volveuse contra Alemah; atacouna e tomouna, matou a todos os homes, rapinárono todo e púxolle lume. [36]Marchou de alí e tomou Casfor, Maqued, Béser e as demais cidades de Galaad. [37]Despois de todo isto Timoteo xuntou outro exército e acampou fronte a Rafón, no lado de alá do torrente. [38]Xudas mandou xente para espiar o campamento e trouxéronlle estas novas: –Xuntáronse con Timoteo todos os pagáns do arredor; éche un exército grandísimo. [39]Ademais contrataron árabes como auxiliares, e están acampados ao lado de alá do torrente, dispostos a vir contra ti.

Xudas saíulles ao encontro, [40]e mentres el e o seu exército se achegaban ao torrente, Timoteo díxolles aos seus oficiais: –Se atravesa el primeiro o torrente cara a nós, non lles poderemos facer fronte, e seguro que nos vence; [41]pero se colle medo e acampa ao lado de alá, iremos nós contra el e vencerémolo.

[42]Cando Xudas chegou á beira do torrente, fixo formar alí aos oficiais do exército e deulles esta orde: –Non deixedes acampar a ninguén. Todos ao combate.

[43]El foi o primeiro en atravesar o río contra o inimigo, e todo o exército foi tras el. Derrotaron aos pagáns que guindaron as armas e fóronse gardar no templo de Carnaim. [44]Os xudeus tomaron a cidade e incendiaron o templo con toda a xente que había dentro. Ao caer Carnaim xa ninguén lle puido facer fronte a Xudas.

[45]Xudas xuntou a todos os israelitas de Galaad, pequenos e grandes, coas súas mulleres, os seus fillos e os seus bens; toda unha chea de xente para levalos a Xudá. [46]Chegaron a Efrón, cidade importante e ben fortificada, situada na entrada dun desfiladeiro; era obrigado pasar por ela, non se podía apartar nin pola esquerda nin pola dereita. [47]Pero a xente da cidade non lles deixaba paso e atrancaron as portas con pedras. [48]Xudas mandoulles dicir polas boas: –Deixádenos pasar polos vosos dominios camiño da nosa terra; ninguén vos fará mal, soamente queremos pasar.

Pero eles non quixeron abrir. [49]Entón Xudas mandou dicir á súa xente que cadaquén acampase alí onde se atopaba. [50]Os soldados máis valentes tomaron posicións e atacaron a cidade de todo aquel día e a noite seguinte, ata que se rendeu. [51]Xudas matou a todos os homes, arrasou a cidade despois de rapinalo todo, e atravesouna pasando por riba dos cadáveres. [52]Despois atravesaron o Xordán e chegaron á gran terra chá en fronte de Betxeán. [53]Xudas ía axuntando os máis tardeiros e animando ao pobo durante toda a camiñada, ata que chegaron a Xudá. [54]Subiron ao monte Sión moi ledos e contentos e ofreceron holocaustos por regresaren con ben e sen que ninguén morrese.

[55]Mentres Xudas e Ionatán estaban na rexión de Galaad, e o seu irmán Simón en Galilea, en fronte de Ptolemaida, [56]Xosé, o fillo de Zacarías, e Azarías, xefes do exército, tiveron novas dos acontecementos e das batallas que aqueles tiveran, [57]e dixeron: –Fagámonos tamén nós famosos. Imos loitar contra as nacións veciñas.

[58]Deron a orde á tropa e marcharon contra Iamnia. [59]Pero Gorxias saíu da cidade cos seus homes para facerlles fronte; [60]Xosé e Azarías fuxiron, e Gorxias foi tras eles ata a fronteira de Xudá. Aquel día morreron uns dous mil israelitas; [61]o exército sufriu unha gran desfeita, porque aqueles, cobizosos de gloria, non quixeron obedecer as ordes de Xudas e de seus irmáns. [62]Eles non eran da raza dos destinados a salvar a Israel. [63]En troques, o valoroso Xudas e mais seus irmáns fixéronse moi famosos por todo o pobo de Israel e por todos os países a onde chegaron novas deles. [64]Axuntábanse todos arredor deles e aclamábanos. [65]Xudas e seus irmáns foron atacar os fillos de Esaú no sur do país. Tomaron Hebrón e a súa bisbarra, destruíron as fortificacións e prendéronlles lume ás torres das murallas. [66]Despois foi contra o país dos filisteos e pasou por Marexah. [67]Aquel día morreron no combate algúns sacerdotes que, querendo facer o valente, saíron a loitar sen siso. [68]Xudas foi despois contra Axdod, na terra dos filisteos; derrubou os altares, queimou as estatuas dos deuses e saqueou a cidade; deseguida volveuse para Xudá.

**5**,42 *Oficiais do exército*: segundo Éx **5**, 6; Dt **20**, 5-8; Xos **1**, 10, trátase de funcionarios administrativos do exército, encargados das levas e licenzas e de transmitir as ordes ás tropas.

**5**, 46 *Efrón* estaba situada entre o Xordán e as terras de Galaad, por debaixo do mar de Tiberíades, no camiño cara a Xudea.

**5**, 58 *Iamnia*, nome grego da cidade de Iábneh, situada ao S de Iafa.

**5**, 66 No camiño que vai de Hebrón cara á Filistea (cf Xos **15**, 44), ao N daquela cidade.

### Morte de Antíoco

**6** [1]Cando o rei Antíoco percorría as provincias do norte, oíu dicir que en Persia había unha cidade chamada Elimaida, de moita sona pola súa riqueza en prata e ouro; [2]tiña un templo riquísimo onde se gardaban armaduras de ouro, coirazas e armas que alí deixara Alexandre, o de Filipo, rei de Macedonia, o primeiro rei dos gregos. [3]Antíoco chegou alá e quíxose apoderar da cidade para saquealа; pero non puido, porque os da cidade, ao coñecer as súas intencións, fixéronlle fronte coas armas. [4]Entón tivo que fuxir e volverse para Babilonia con moita tristura. [5]En Persia chegoulle un mensaxeiro coa nova de que as forzas enviadas contra Xudá foran derrotadas, [6]e de que Lisias, que partira para alá cun gran exército, fuxira diante dos xudeus; estes aumentaran o seu poder coas armas e os espolios collidos aos exércitos vencidos, [7]destruíran o altar sacrílego que mandara colocar enriba do altar de Xerusalén, e rodearan cunha muralla tan alta coma antes o santuario e a cidade de Betsur.

[8]Ao escoitar tales novas, o rei quedou aterrado e moi impresionado, ata o punto de ter que encamar pola tristeza, porque non lle saíran as cousas como el quería. [9]Así pasou moitos días cada vez máis morriñento. Vendo que xa morría, [10]chamou a todos os seus achegados para lles dicir: –Foxe o sono dos meus ollos e síntome premido polas preocupacións, [11]ao ver a aflición e a inquedanza na que me atopo neste instante, eu, sempre tan feliz e querido cando era poderoso. [12]Pero agora recordo as inxustizas que cometín en Xerusalén, os obxectos de ouro e prata que alí roubei, a xente de Xudea que mandei matar sen razón ningunha. [13]Recoñezo que por iso me veñen estas desgrazas. Velaí que vou morrer de tristura en terra estranxeira.

[14]Chamou a Filipo, un dos seus achegados, e nomeouno rexente de todo o seu reino. [15]Deulle a súa coroa, o seu manto e o seu anel, e encargoulle que lle educase e preparase para o goberno ao seu fillo Antíoco. [16]O rei Antíoco morreu alí no ano cento corenta e nove. [17]Cando Lisias soubo que morrera o rei, puxo no seu lugar ao seu fillo Antíoco, que el educara desde neno, e púxolle o título de Eupátor.

### Guerra e paz con Antíoco Eupátor

[18]Entrementres a gornición da cidadela molestaba aos israelitas polos arredores do templo, prexudicándoos acotío e apoiando aos pagáns. [19]Xudas determinou botalos de alí, e convocou a todo o exército para cercalos. [20]Concentráronse todos e empezaron o cerco no ano cento cincuenta con catapultas e máquinas que construíran. [21]Con todo algúns dos asediados romperon o cerco, e con algúns israelitas desleigados, [22]fóronlle dicir ao rei: –Cando has facer xustiza e defenderás os nosos irmáns? [23]Nós decidimos someternos a teu pai e obedecer as súas ordes e disposicións. [24]E por iso os nosos irmáns se volveron contra nós e teñen a cidadela cercada; amais diso mataron aos nosos que caeron nas súas mans e rapinaron os seus bens. [25]E non soamente erguen a man contra nós, senón que tamén contra todos os teus dominios. [26]Agora mesmo están acampados contra a cidadela de Xerusalén, para apoderárense dela; xa fortificaron o santuario e Betsur, [27]e se non lles colles a dianteira decontado, aínda han ir a máis e non os poderás dominar.

[28]O rei alporizouse moito ao escoitar todo isto. Convocou a todos os seus achegados, aos xefes de infantería e cabalaría. [29]Ata lle viñeron tropas mercenarias dos outros reinos e do alén mar. [30]O seu exército tiña cen mil soldados de infantería, vinte mil cabaleiros e trinta e dous elefantes afeitos á loita. [31]Atravesaron Idumea e cercaron Betsur. Atacárona durante moitos días con máquinas ao caso, pero os cercados fixeron unha saída, e loitando con valentía puxéronlles lume.

[32]Entón Xudas ergueu o cerco da cidadela e acampou onda Bet-Zacarías, diante do campamento do rei. [33]Pola mañanciña ergueuse o rei e mandou que o exército avanzase lixeiro polo camiño de Bet-Zacarías. Colocáronse os exércitos para combater; soaron as trompetas de guerra. [34]Aos elefantes déronlles zume de uvas e de amoras para excitalos para a loita; [35]repartíronos entre os escuadróns, e con cada un deles ían mil soldados con coirazas e con helmos de bronce na cabeza, e tamén cincocentos cabaleiros escolleitos [36]que precedían e acompañaban ao elefante fose para onde fose, sen arredarse del para nada. [37]Enrriba dos elefantes ían montadas unhas torres

**6**, 1 *Elimaida*: máis ca dunha cidade trátase dunha rexión. O relato é continuación de **3**, 37.
**6**, 14 Unha misión semellante fóralle encargada xa a Lisias (cf 1 Mac **3**, 32). E foi Lisias tamén quen logo suplantaría pola forza a Filipo nesta encomenda, e o faría fuxir a Exipto.
**6**, 16 Isto é, o 163 a. C.
**6**, 17 *Antioco Eupátor* daquela un picariño duns nove anos, practicamente non chegaría a reinar, pois foi deposto e asasinado por Demetrio I.
**6**, 20 Era o 163-162 a. C.
**6**, 32 *Bet-Zacarías*, situada entre Xerusalén e Betsur, a 10 km desta cidade e 18 daquela.

de madeira, fortes e ben protexidas, atadas ao animal con adivais; en cada torre ían catro guerreiros que combatían desde alí arriba e o guieiro indio. [38]O resto da cabalaría colocouna nas dúas alas do exército, á dereita e á esquerda, para protexer a infantería e fustrigar o inimigo. [39]Cando o sol empezou a brillar nos escudos de ouro e de bronce, brillaban os montes con eles e resplandecían coma se fosen fachóns acesos. [40]Parte do exército real estaba no cumio dos montes, e parte na pendente; avanzaban con paso firme e moi ben ordenados. [41]Os xudeus, cando oíron o estrondo daquela chea de xente avanzando e chocando as armas, quedaron abraiados. Certamente era un señor exército.

[42]Xudas avanzou co seu exército, empezou a loita e caeron seiscentos homes do exército do rei. [43]Elazar, alcumado Avarán, viu un elefante recuberto con coirazas reais que sobresaía por riba dos outros e pensou que o rei iría nel. [44]Entón, ofrecendo a vida para salvar o seu pobo e acadar así unha fama inmortal, [45]botou a correr destemidamente cara ao elefante polo medio do escuadrón, matando a quen se lle poñía por diante; a xente apartaba del. [46]Ao chegar a carón do elefante, meteuse debaixo del e espetoulle a espada. Pero o elefante caeulle enriba e morreu alí mesmo. [47]Os xudeus, ao ver as forzas e a combatividade do exército do rei, retiráronse. [48]O exército real perseguiunos ata Xerusalén; entraron en Xudea e acamparon fronte ao monte Sión.

[49]O rei fixo as paces cos de Betsur, que saíron da cidade porque xa non tiñan provisións para prolongar a resistencia por máis tempo, pois aquel ano era ano sabático para o país. [50]O rei ocupou Betsur e deixou nela unha gornición para a súa defensa. [51]Despois púxolle cerco ao templo durante moitos días; montou alí seteiras, máquinas, lanzachamas, catapultas, escorpións para lanzar frechas, e tirapedras. [52]Pola súa parte, os xudeus construíron tamén armas defensivas contra as dos atacantes, e loitaron durante moitos días. [53]Pero acabáronselles as reservas que tiñan nos almacéns, porque era ano sétimo, e porque os que se refuxiaran alí, fuxindo a Xudá desde o estranxeiro, consumiran as provisións que quedaban; [54]entón, como a fame os apertaba moito, deixaron uns poucos no templo e os demais esparexéronse cadaquén polo seu lado.

[55]Daquela soubo Lisias que Filipo, aquel a quen o rei Antíoco antes de morrer lle encomendara a crianza do seu fillo Antíoco para que logo o sucedese, [56]volvera de Persia e de Media, á fronte da expedición que acompañara ao rei, e que quería apoderarse do reino. [57]Lisias decidiu partir rapidamente, e díxolle ao rei, aos xenerais do exército e aos soldados: –Cada día somos menos, rarean as provisións, a praza que cercamos é moi forte e temos que ocuparnos dos negocios do reino. [58]Así que, deámoslle a man a esa xente e fagamos as paces con eles e con todo o seu pobo. [59]Poñámonos de acordo con eles para que poidan vivir segundo as súas leis coma antes, pois por lles querer quitar esas leis foi polo que se arrepuxeron e nos fixeron todo isto.

[60]Ao rei e aos xenerais pareceulles ben a proposta. O rei mandou negociar a paz e os xudeus aceptárona.[61]O rei e os xenerais confirmaron o pacto cun xuramento, e entón os cercados saíron fóra da fortaleza. [62]Pero cando o rei subiu ao monte Sión e viu as fortificacións que tiña, quebrantou o xuramento que fixera e mandou destruír toda a muralla. [63]Despois partiu axiña para Antioquía, e atopouse con que Filipo xa era dono da cidade; pero o rei atacouno e apoderouse da cidade pola forza.

### Demetrio, Báquides e Alcimo

**7** [1]No ano cento cincuenta e un, Demetrio, fillo de Seleuco, marchou de Roma cuns poucos homes, desembarcou nunha cidade da costa e proclamouse rei nela. [2]Un día, cando ía entrar no palacio real dos seus maiores, as tropas prenderon a Antíoco e mais a Lisias para entregarllos a Demetrio. [3]Cando se informou Demetrio, dixo: –Non quero nin verlles a cara.

[4]Entón os soldados matáronos e Demetrio subiu ao trono real. [5]E foron estar con el todos os israelitas desleigados e impíos, guiados por Alcimo, que quería ser sumo sacer-

**6**, 43 *Elazar* é un dos irmáns de Xudas (cf **2**, 5).
**6**, 49 *Ano sabático*, no que, segundo Éx **23**, 10-11 e Lev **25**, 2-7, as terras quedaban sen sementar. Isto facíase cada sete anos e minguaba a economía do pobo.
**6**, 58 Darlle a man, dito que quer dicir facer as paces.
**6**, 59 A morte de Antíoco IV Epífanes, partidario da helenización pola forza, xunto coas circunstancias do momento, provocan este cambio de actitude respecto aos xudeus. De feito, a partir deste momento as constantes agresións mutuas terán unha razón máis política ca relixiosa.
**7**, 1 Este *Demetrio* era fillo de Seleuco IV Filopátor, o irmán de Antíoco IV Epífanes; polo tanto sobriño deste e curmán de Antíoco IV Eupátor. Por estar de refén en Roma non puido suceder a seu pai; pero fuxiu e presentouse en Trípoli cun exército no ano 161 a. C. Derrota e mata a Lisias e mais a Antíoco, e apodérase do reino.

dote, [6]e acusaron ao pobo de moitas cousas; dixéronlle: –Xudas e seus irmáns acabaron con todos os partidarios teus e a nós botáronnos fóra da nosa terra. [7]Manda a unha persoa da túa confianza para que vexa os estragos que fixeron no medio de nós nos teus territorios, e castigue a Xudas con todos os seus colaboradores.

[8]O rei escolleu a Báquides, un dos seus amigos, home importante na corte e fiel ao rei, gobernador das terras do alén río. [9]Enviouno co desleigado Alcimo, confirmado xa como sumo sacerdote, para castigar os israelitas. [10]Partiron cun exército moi grande, e ao chegaren á terra de Xudá, enviaron uns mensaxeiros a Xudas e a seus irmáns cunha proposta falsa de paz. [11]Os xudeus, cando viron que viñeran cun exército moi grande, non lles fixeron caso. [12]Con todo, un grupo de escribas foi ter unha xuntanza con Báquides e Alcimo para chegar a unha solución xusta; [13]de entre os israelitas os primeiros en pediren a paz foron os asideos, [14]pois dicían: –O que chegou co exército é un sacerdote da familia de Aharón; non nos vai enganar.

[15]El faloulles palabras de paz e xuroulles: –Non vos faremos ningún mal, nin a vós nin aos vosos amigos.

[16]E eles créronllo. Entón foi e colleu a sesenta homes e matounos nun só día, segundo aquilo que di a Escritura:

[17]*Arredor de Xerusalén*
*ciscaron os cadáveres*
*e verteron o sangue dos teus fieis*
*e ninguén os enterraba.*

[18]Todo o pobo se encheu de medo e de espanto, e dicían: –Son xente inxusta e mentireira, pois non respectaron o acordo e o xuramento que fixeron.

[19]Báquides retirouse de Xerusalén e foi acampar en Betsaid. Mandou prender a moitos dos seus que se pasaran de bando e a algúns do pobo; matounos e botounos nunha poza moi grande. [20]Deixou logo o país nas mans de Alcimo con tropas que o defendesen, e el foise xunto ao rei. [21]Alcimo loitou moito para conservar o sumo sacerdocio; [22]xuntáronselle todos os argalleiros do pobo, apoderáronse de toda Xudá e fixeron moito mal en Israel. [23]Ao ver Xudas que Alcimo e os da súa camarilla facían aínda máis mal aos israelitas ca os mesmos pagáns, [24]percorreu todas as terras de Xudá castigando os desleigados e poñendo fin ás súas correrías polo país. [25]Alcimo decatouse de que Xudas e os seus ían a máis, e recoñecendo que non era el quen para resistilos, volveu onda o rei e acusounos de cousas moi graves.

### Derrota de Nicanor

[26]Entón o rei mandou a Nicanor, un dos seus xenerais máis famosos, inimigo declarado de Israel, coa orde de acabar co pobo. [27]Nicanor chegou a Xerusalén cun gran exército e mandoulle a Xudas e a seus irmáns esta mensaxe con falsas palabras de paz: [28]–Non vaiamos á loita; eu irei cuns poucos homes para vernos e falar como amigos.

[29]E así foi, chegou onda Xudas e saudáronse como amigos, pero os inimigos ían preparados para prendelo. [30]Xudas decatouse de que viñeran con malas intencións, colleulles medo e xa non quixo velo nunca máis. [31]Nicanor viu que o seu plan fora descuberto; entón saíu ao combate contra Xudas cerca de Cafarxalán. [32]Caeron uns cincocentos soldados de Nicanor e os demais fóronse refuxiar á cidade de David. [33]Despois destes acontecementos, Nicanor subiu ao monte Sión. Algúns sacerdotes e anciáns do pobo saíron do templo para saudalo de xeito amigable e para mostrarlle o holocausto que ofrecían polo rei. [34]Pero el moqueouse deles, aldraxounos, cuspiunos, falou coma un barallocas [35]e xuroulles con rabia: –Se non me entregades agora mesmo a Xudas e ao seu exército, asegúrovos que cando volva vitorioso voulle poñer lume ao templo.

E saíu adoecido. [36]Os sacerdotes entraron e, de pé diante do altar e do santuario, exclamaron entre bágoas: [37]–Ti escolliches este templo para que nel se invocase o teu nome e fose casa de oración e súplica para o teu pobo; [38]castiga a este home e ao seu exército, que caian a fío de espada. Lémbrate das súas blasfemias e non lles deas boa fin.

[39]Nicanor saíu de Xerusalén e acampou en Bethorón; alí xuntóuselle un exército sirio. [40]E Xudas acampou en Hadaxah con tres mil soldados, e rezou así: [41]–Cando os mensaxeiros do rei blasfemaron, veu un anxo teu e matoulle cento oitenta e cinco mil homes.

**7**, 5 *Alcimo* era partidario da helenización, e polo tanto contrario aos macabeos. Era da descendencia de Aharón, aínda que non da familia dos sumos sacerdotes. O autor, tan achegado aos asmoneos, descualificao dun xeito esaxerado. Os asideos víano con mellores ollos, por ser da familia aharonita (cf 1 Mac **7**, 13).

**7**, 8 *O alén río* era o territorio comprendido entre o Éufrates e as fronteiras de Exipto.

**7**, 17 Sal **79**, 2-3.

**7**, 19 *Betsaid*, pequena cidade a 6 km ao N de Betsur.

**7**, 40 *Hadaxah*, estaba situada uns 8 km ao N de Xerusalén, entre esta cidade e Bethorón.

42Esmaga hoxe igualmente a este exército
diante de nós, para que todos saiban que blas-
femou contra o teu nome; xúlgao segundo a
súa maldade.
43No día trece do mes de *Adar*, os exér-
citos entraron en combate. O exército de
Nicanor foi derrotado, e el mesmo foi o pri-
meiriño en morrer. 44Cando o seu exército
viu que Nicanor caera, guindaron as armas
e fuxiron. 45Os xudeus perseguíronos un día,
desde Hadaxah ata Guézer, tocando tras eles
as trompetas. 46A xente de todas as aldeas do
arredor saía para acosar aos que fuxían; loi-
taron contra eles e matáronos a todos a fío
de espada, non quedou o primeiro. 47Despois
recolleron os espolios e o botín, e a Nicanor
cortáronlle a cabeza e a man dereita que er-
guera destemidamente; leváronas e colgáro-
nas fronte a Xerusalén. 48O pobo alegrouse
moitísimo e aquel día fixeron unha festa moi
grande. 49Acordaron celebralo todos os anos
por aquela data, trece de *Adar*. 50Por algún
tempo houbo paz en Xudá.

### Xudas pacta cos romanos

**8** 1Chegou aos oídos de Xudas a sona dos
romanos: eran moi poderosos, mostrá-
banse benévolos con todos os seus aliados
e facían pactos de amizade con cantos acu-
dían a eles. 2Contáronlle tamén as guerras
e as proezas que fixeran na Galia, como a
conquistaran e agora tíñalles que pagar tribu-
tos. 3E todo o que fixeran na Hispania, para
se apoderaren das minas de prata e de ouro
que alí hai; 4como mantiñan o seu dominio
naquela terra con paciencia e prudencia, e iso
que estaba moi lonxe do seu país. Tamén lle
falaron da derrota que lles meteran aos reis
que desde moitas partes da terra os atacaran;
foi tan grande que os demais xa lles pagaban
tributos anualmente. 5Tamén derrotaron e so-
meteron a Filipo, a Perseo, rei de Macedonia,
e a todos os que se levantaron contra eles.
6E o mesmo fixeron con Antíoco, rei de Asia,
que foi á guerra contra eles con cento vinte
elefantes, cabalaría, carros e unha infantería
moi numerosa; 7collérono vivo e obrigárono
a el e aos seus sucesores a pagar grandes tri-
butos, amais da entrega de reféns e da cesión
8das súas mellores provincias, India, Media e
Lidia; eles despois pasáronllas ao rei Eume-
nes.
9Tamén os gregos decidiron atacalos e
acabar con eles. 10Pero cando os romanos se
informaron do plan, mandaron contra eles un
só xeneral; combateunos e matou a moitos
dos gregos, levou presas as mulleres e os fi-
llos, rapinou todos os seus bens, apoderouse
das terras, derrubou as fortalezas e fíxoos es-
cravos, e así están aínda hoxe. 11Destruíron e
escravizaron os demais reinos e illas que se
lles opuxeron. 12Pero son fieis aos seus ami-
gos e cos que confían neles. Dominaron os
reis veciños e os de lonxe. Todos os que oen
falar deles lles collen medo. 13Reinan aqueles
a quen axudan eles a reinar, destronan aos
que queren. Teñen un poder enorme. 14Entre
eles ninguén leva coroa nin se viste de púrpu-
ra para engrandecerse con ela. 15Formaron un
Senado, e acotío tres centos vinte senadores
miran polo bo goberno do pobo. 16Cada ano
entregan o mando e o goberno de todos os
seus dominios a un só home, e todos lle obe-
decen sen envexas nin rivalidades.
17Xudas escolleu a Eupólemo, fillo de
Xoán de Hacós, e a Iasón, fillo de Elazar, e
mandounos a Roma para firmar un tratado de
amizade e alianza, 18coa intención de saír do
xugo dos gregos, pois vían que estes querían
escravizar a Israel. 19Chegaron a Roma, a
viaxe fora moi longa. Entraron no Senado e
dixeron: 20–Xudas, o Macabeo, seus irmáns
e o pobo xudeu mándannos para facer con-
vosco un tratado de amizade e de alianza, de
xeito que de agora en adiante nos contedes
entre os vosos amigos e aliados.
21A petición foi ben acollida. 22Velaquí a
copia da carta que escribiron en láminas de
bronce e enviaron a Xerusalén, para que alí
ficase como garantía do tratado de paz e
alianza:
23"Prosperidade sen fin para romanos e xu-
deus, na terra e no mar, e que a espada inimi-
ga estea lonxe deles!
24Se alguén lles declara a guerra aos roma-
nos ou a algún dos seus aliados en calquera
parte do seu imperio, 25os xudeus loitarán
con eles decididamente, segundo o pidan as

**7**, 43 *Adar*: febreiro-marzo.
**7**, 48 Foi a festa chamada "Día de Nicanor" (cf 2 Mac **15**, 36ss). Durou pouco tempo.
**8**, 1 O pobo romano queda idealizado, con inexactitudes históricas, fronte á ruindade dos seléucidas. A apelación a esta potencia imperialista víase como unha baza interesante a xogar no camiño da liberación do pobo. Pero o futuro ben falaría doutro xeito.
**8**, 2 *Galia*: é Galia Cisalpina ou norte de Italia.
**8**, 6 É Antíoco III o Grande, o pai de Antíoco IV Epífanes, vencido en Magnesia no ano 189 a. C. por Escipión.
**8**, 17 *Eupólemo*, tamén citado en 2 Mac **4**, 11; parece pertencer a unha familia de diplomáticos, pois seu pai negociara tamén cos sirios. Era da familia sacerdotal de Hacós.

circunstancias. [26]Aos inimigos nin lles darán nin fornecerán víveres, armas, cartos nin barcos. É decisión dos romanos. Gardarán estes compromisos sen ningunha compensación.

[27]Do mesmo xeito, se alguén lles declara a guerra aos xudeus, os romanos loitarán con eles decididamente, segundo o pidan as circunstancias. [28]Aos inimigos non lles darán víveres, armas, cartos nin barcos. É decisión dos romanos. Gardarán este compromiso con toda lealdade. [29]Estas son as condicións que os romanos poñen para pactar cos xudeus. [30]Se máis adiante algún dos pactantes quere engadir ou retirar algo, hase facer chegando a un acordo; e o engadido ou retirado será obrigatorio. [31]No que se refire ao mal que o rei Demetrio lles fixo, xa lle escribimos o seguinte: Por que asoballas con tanta dureza aos nosos amigos e aliados? [32]Se se nos volven queixar de ti, defenderemos os seus dereitos atacándote por terra e por mar".

### Derrota e morte de Xudas

**9** [1]Demetrio, cando oíu que Nicanor e o seu exército pereceran no combate, volveu mandar a Xudea a Báquides e a Alcimo coa ala dereita do seu exército. [2]Colleron polo camiño de Guilgal, atacaron e tomaron Mesalot de Arbelah e mataron alí moita xente. [3]No primeiro mes do ano cento cincuenta e dous acamparon fronte a Xerusalén; [4]despois marcharon cara a Berea con vinte mil infantes e dous mil xinetes. [5]Xudas acampou en Elasa con tres mil homes escolleitos. [6]Ao veren semellante multitude de inimigos, enchéronse de medo, e moitos fuxiron do campamento; soamente quedaron uns oitocentos. [7]Xudas viu a desfeita do seu exército no instante en que a batalla ía xa empezar, e desalentouse, pois xa non tiña tempo de xuntalo. [8]Moi abatido díxolles aos que quedaran: –Ánimo! Imos combater o inimigo, que ao mellor podémoslle facer fronte.

[9]Pero os seus desanimárono dicíndolle: –Non poderemos. Agora é mellor salvar as nosas vidas; volveremos despois coa nosa xente e combateremos contra eles. Agora somos moi poucos.

[10]Xudas respondeulles: –Xamais fuxiremos diante do inimigo. Se é que nos chegou a hora, morramos coma valentes polos nosos irmáns e non lixemos con isto a nosa fama.

[11]O exército inimigo saíu entón do campamento e preparouse para o combate. A cabalaría dividiuse en dúas partes; os fondeiros e os arqueiros diante do exército, e na primeira fila os máis fortes. Báquides ía na ala dereita. [12]A falanxe avanzou polos dous lados ao toque das trompetas. Os de Xudas tamén tocaron as trompetas. [13]O chan tremeu polo estrondo dos exércitos e o combate durou desde o abrente ata o serán. [14]Xudas viu que Báquides e a parte máis forte do exército estaban na ala dereita; colleu con el aos máis valentes [15]e desfixo a ala dereita e perseguiuna ata os montes de Axdod. [16]Pero os da ala esquerda ao ver que a ala dereita fora derrotada e fuxía, perseguiron a Xudas e aos seus polas costas. [17]A batalla púxose durísima, e caeron moitos das dúas partes. [18]Xudas tamén caeu, e os outros fuxiron. [19]Ionatán e Simón colleron o corpo de seu irmán Xudas e enterrárono en Modín, no sartego da familia. [20]Todo Israel fixo grandes funerais por el, e chorouno moitos días. Dicían: [21]–Como caeu o valente, o salvador de Israel!

[22]Non se escribiron aquí outros feitos de Xudas, as guerras e fazañas que levou a cabo, e a gloria que acadou, porque non teñen número.

### Ionatán pasa a ser xefe

[23]Despois da morte de Xudas, levantaron cabeza outra vez por todo o país os desleigados, e reapareceron todos os que facían o mal. [24]Coincidiu que daquela houbo unha fame moi grande e o pobo pasouse a eles. [25]Báquides escolleu uns homes impíos e entregoulles o goberno do país. [26]Andaban á caza dos partidarios de Xudas, e levábanllos a Báquides, que os castigaba e aldraxaba. [27]Non houbera unha tribulación tan grande en Israel desde o tempo en que se acabaran os profetas. [28]Xuntáronse todos os partidarios de Xudas e dixéronlle a Ionatán: [29]–Desde que morreu teu irmán Xudas, non hai ninguén que, coma el, sexa capaz de facer fronte ao inimigo, a Báquides e aos que perseguen o noso pobo. [30]Por iso nós hoxe escollémoste a ti para que ocupes o seu posto de xefe e capitán e dirixas con éxito os nosos combates.

[31]Ionatán aceptou o mando e desde aquel momento sucedeu a Xudas. [32]Báquides sóu-

**8**, 29 O tratado, que ten trazas de ser auténtico, acaba aquí. A intención dos romanos non era axudar aos pequenos países –de nada lles valeu o tratado aos xudeus–, senón alentar as revoltas nos países inimigos.
**9**, 1 O relato enlaza co final do c. **7**.
**9**, 3 É dicir, no marzo/abril do 160 a. C.

**9**, 15 *Os montes de Axdod*. Tanto este topónimo coma outros empregados polo redactor neste relato son de moi difícil identificación. Probablemente esteamos diante de datos trabucados.
**9**, 33 O deserto de *Técoa* queda ao S de Xudea, ao SL de Belén.

boo, e quería matalo. [33]Pero Ionatán e seu irmán Simón e todos os seus seguidores soubérono e fuxiron ao deserto de Tecoa; acamparon a carón das augas da cisterna de Asfar. [34]Cando Báquides o soubo era sábado, e pasou el mesmo co seu exército ao lado de alá do Xordán. [35]Ionatán mandou a seu irmán á fronte dun grupo para pedirlles aos seus amigos os nabateos a ver se lles tiñan conta da bagaxe, que era moita. [36]Pero os fillos de Iambrí, de Medebá colleron a Xoán e o que levaba, e marcháronlle con todo.

[37]Pasado algún tempo, comunicáronlle a Ionatán e a seu irmán Simón que os fillos de Iambrí celebraban unha grande festa de casamento, e que conducían con moita aquela desde Medebá á moza, que era filla dun ricachón de Canaán. [38]Recordáronse da morte de seu irmán Xoán, e foron esconderse no monte. [39]Ergueron os ollos e viron unha caravana moi festeira; era o mozo que ía ao encontro da súa moza cos amigos e parentes, cantando e tocando o tambor e outros instrumentos. [40]Entón saíron do seu recuncho e caeron sobre eles para matalos. Feriron a moitos, e os demais escaparon para o monte. Rapináronlles todo o que levaban, [41]e o casamento converteuse en loito e os cantos de festa en laios. [42]Así vingaron a morte de seu irmán. Despois volvéronse para a ribeira pantanosa do Xordán. [43]Cando Báquides coñeceu isto, dirixiuse á fronte dun grande exército cara ás ribeiras do Xordán.

[44]Entón Ionatán díxolles aos seus: –Animo! Loitemos pola nosa vida; hoxe non é coma onte ou antonte. [45]Estamos en perigo por diante e por detrás; e aí as augas do Xordán, as súas marxes pantanosas e bosques; non hai escape. [46]Así que rezádelle a Deus para que nos libre dos nosos inimigos.

[47]Trabouse o combate. Ionatán estendeu o brazo para ferir a Báquides, pero este botouse para atrás e non lle deu. [48]Ionatán e os seus botáronse ao Xordán e pasaron a nado á outra beira; os inimigos non atravesaron o Xordán para perseguilos. [49]Aquel día caeron uns mil homes de Báquides. [50]Báquides regresou a Xerusalén, construíu fortalezas na Xudea, as de Iericó, Emaús, Bethorón, Betel, Tímnah, Piratón e Tefón, con altas murallas, con portas e con ferrollos; [51]deixou nelas tropas para fustrigar a Israel. [52]Fortificou tamén as cidades de Betsur, Guézer e a cidadela, e instalou nelas tropas e almacéns de víveres. [53]Colleu como reféns aos fillos da xente grande do país e encadeounos na cidadela de Xerusalén.

[54]No segundo mes do ano cento cincuenta e tres, Alcimo mandou desfacer o muro do adro interior do templo, destruíndo así a obra dos profetas. Empezaron o traballo, [55]pero de súpeto a Alcimo deulle un ataque e suspendéronse as obras. Unha parálise pechoulle a boca, de maneira que xa non puido nin falar nin dispoñer as cousas da súa casa. [56]E morreu no medio de grandes dores.

[57]Cando Báquides recibiu a nova da súa morte, volveuse para onda o rei, e Xudá estivo en paz durante uns dous anos. [58]Entón todos os desleigados acordaron nunha xuntanza o seguinte: –Ionatán e os seus están tranquilos e confiados; imos chamar a Báquides para que unha noite os prenda a todos.

[59]E fóronllo propoñer a Báquides. [60]Báquides púxose en camiño cun exército moi grande, e ás caladas mandou cartas a todos os seus partidarios da Xudea para que prendesen a Ionatán e aos seus compañeiros; pero non o puideron facer, porque lles descubriron o plan. [61]Foron Ionatán e Simón os que colleron uns cincuenta homes do país, os cabezas daquela conspiración, e matáronos. [62]Despois Ionatán, Simón e os seus compañeiros retiráronse a Betbasí, no deserto; levantaron as súas ruínas e fortificárona. [63]Cando o soubo Báquides, xuntou a toda a súa xente e avisou aos de Xudá. [64]Acampou fronte de Betbasí, e atacouna durante moitos días con máquinas de guerra. [65]Ionatán deixou na cidade a seu irmán Simón, e marchou polos arredores cuns poucos homes. [66]Derrotou a Odomerá e aos seus parentes e aos fillos de Fasirón nas súas tendas, e así loitando foi medrando o seu poder. [67]Entón Simón e os seus saíron da cidade e pegáronlles lume ás máquinas de guerra. [68]Atacaron e derrotaron a Báquides; humilláronno ben humillado, pois os plans e a expedición acabaron nun fracaso. [69]Entón enfadouse cos desleigados que lle aconsellaran vir ao país, matou a moitos deles e acordou volver para a súa terra.

[70]Cando Ionatán o soubo, mandou onda el uns mensaxeiros para ver de facer as paces e intercambiar prisioneiros. [71]Báquides recibiunos e aceptou a proposta e xurou que non lle faría mal ningún a Ionatán en toda a vida.

**9**, 36 Débese tratar dunha tribo nabatea.
**9**, 43 Este v. parece unha repetición do 34.
**9**, 54 Isto é, por abril-maio de 159 a. C. O muro que manda desfacer Alcimo é o que separa o adro dos xudeus do adro dos xentís; fora levantado cos azos dos profetas Axeo e Zacarías á volta do desterro.
**9**, 62 *Betbasí*, un pouco ao SL de Belén.

72Entregoulle os prisioneiros que fixera antes
en Xudá, e volveu para a súa terra, e xa non
veu máis por Xudá. 73Así acabou a guerra en
Israel. Ionatán foi vivir a Micmás; alí empe-
zou a gobernar o pobo e a exterminar os im-
píos de Israel.

### Ionatán, Demetrio e Alexandre

**10** 1No ano cento sesenta Alexandre, fillo
de Antíoco, o titulado Epífanes, em-
barcou e ocupou Ptolemaida; foi ben acollido
e empezou a reinar alí.

2Cando Demetrio se puxo ao corrente
disto, xuntou un exército moi grande, e foi
contra el para facerlle a guerra. 3Demetrio
mandoulle a Ionatán unha carta moi amiga-
ble prometéndolle acrecentar o seu poder.
4Pois pensaba: Cómpre facer as paces cos
xudeus, antes que Ionatán se poña de acordo
con Alexandre en contra miña 5ao lembrarse
de todos os males que lle teño feito a el, a
seus irmáns e ao seu pobo.

6Deulle autorización para formar un exér-
cito e para fabricar armamento; teríao como
aliado de guerra seu. Amais diso mandou que
lle entregasen os reféns que tiña na cidade.
7Ionatán foi a Xerusalén e leulle a carta a todo
o pobo e aos da cidade. 8Todos se encheron
de medo cando souberon que o rei lle dera
autorización para formar un exército. 9Os da
cidade entregáronlle os reféns a Ionatán, e el
entregóullelos a seus pais. 10Ionatán pasou a
vivir en Xerusalén e empezou a reconstruír e
a restaurar a cidade. 11Mandoulles aos cantei-
ros que levantasen a muralla e que rodeasen
o monte Sión cun muro de cantería. E así o
fixeron. 12Os estranxeiros que vivían nas for-
talezas construídas por Báquides fuxiron.
13Todos deixaron as súas casas e marcharon
para a súa terra. 14Soamente en Betsur que-
daron algúns desleigados que renunciaron á
Lei e aos mandamentos, porque a cidade era
un bo refuxio.

15Ao rei Alexandre chegáronlle novas da
promesa que Demetrio lle fixera a Ionatán, e
contáronlle tamén as batallas e fazañas que
levaran a cabo el e seus irmáns, e todos os
traballos que pasaran. 16E dixo: –Poderemos
atopar outro home coma este? Fagámolo de-
contado amigo e aliado noso.

17E escribiulle a seguinte carta: 18"O rei
Alexandre saúda ao seu irmán Ionatán. 19Esta-
mos informados de que es un home poderoso
e digno da nosa amizade. 20Por iso hoxe decla-
rámoste sumo sacerdote da túa nación e con-
cedémosche o título de amigo do rei, para que
defendas a nosa causa e sexas amigo noso".

E mandoulle un manto de púrpura e unha
coroa de ouro. 21Ionatán puxo os ornamen-
tos sagrados, no sétimo mes do ano cento
sesenta, na festa dos Tabernáculos, formou
un exército, e equipouno ben equipado. 22Sa-
bedor Demetrio de todo isto, comentou moi
desgustado: 23–Que fariamos nós para que
Alexandre se nos adiantase en facer amizade
cos xudeus para fortalecer a súa casa? 24Vou-
lles escribir eu tamén, a ver se os convenzo
prometéndolles cargos e regalos para que se-
xan aliados meus.

25E escribiulles esta carta: "O rei Deme-
trio saúda ao pobo xudeu. 26Recibimos a boa
nova de que estades gardando os acordos
firmados connosco, e de que vos mantedes
fieis á nosa amizade, sen vos pasar ao ini-
migo. 27Seguide, pois, nesta lealdade e nós
habémosvos compensar todo o ben que nos
facedes. 28Retirarémosvos moitos tributos e
farémosvos grandes regalos. 29Xa desde ago-
ra eximo a todos os xudeus dos tributos e dos
impostos do sal e das coroas. 30Renuncio,
de hoxe en diante, e para sempre, ao terzo
das colleitas e á metade da froita que me co-
rresponde na terra de Xudá e nos seus tres
distritos anexos de Samaria e Galilea. 31Xe-
rusalén será unha cidade santa e exenta, coa
súa bisbarra, de décimos e tributos. 32Tamén
renuncio á miña soberanía sobre a cidade de
Xerusalén e entrégolla ao sumo sacerdote;
que el poña nela os homes que queira para
defendela. 33Concedo a liberdade, gratuita-
mente, a todos os xudeus que foron levados
cativos desde Xudá a calquera parte do meu
reino, e todos quedarán libres dos tributos,
mesmo dos do gando. 34Todas as festas, os
sábados, a lúa nova, os outros días santos e
os tres días antes e despois dunha festa serán
días de exención e de liberación para todos
os xudeus do meu reino, 35e ninguén terá de-
reito para perseguilos, ou para meterse con
eles por razón ningunha.

**10**, 1 *Alexandre* Alexandre Balas faise pasar por fillo de Antíoco IV Epífanes, e coa axuda dos reis de Pérgamo e de Exipto empeza a rivalizar con Demetrio na posesión do trono de Siria. Era o ano 152 a. C. Os romanos empregárono para derrubar a Demetrio I.

**10**, 3 Ionatán xoga politicamente, e aproveita as circunstancias para acadar unhas concesións políticas e militares insospeitadas. De agora en diante o oportunismo político ocupará un posto importante na estratexia dos macabeos.

**10**, 20 Noutro acto de raposada política, Ionatán chega a satisfacer unha das pretensións dos Macabeos: ter a autoridade relixiosa do pobo xudeu. Era polo outono do ano 152 a. C. O feito provocaría a progresiva perda de simpatías de moitos cara a el e a súa familia.

36Alistaranse no exército do rei trinta mil soldados xudeus, e pagaráselles coma a todos os soldados do rei. 37De entre eles escollerase xente para as fortalezas máis importantes e para cargos de confianza do reino. Os seus xefes e oficiais serán xudeus e poderán vivir segundo as súas leis, como o rei o mandou para Xudá. 38Os tres distritos de Samaria, que son anexos de Xudea, formarán con ela unha única circunscrición e dependerán soamente da autoridade do sumo sacerdote. 39Fago doazón de Ptolemaida e da súa bisbarra ao templo de Xerusalén para cubrir os seus gastos. 40E tamén hei dar cada ano quince mil siclos de prata, a recoller das rendas do rei alí onde máis conveña. 41As cantidades que os encargados do fisco non entregaron, coma nos anos anteriores, entregaranas agora para as obras do templo. 42Tamén perdoamos os cinco mil siclos de prata que cada ano retirabamos dos ingresos do templo, e dámosllelos aos sacerdotes, que exercen as funcións sagradas.

43Todos os debedores do rei por razón de tributos dunha ou doutra cousa calquera que se refuxien no templo de Xerusalén ou no adro, quedan libres, eles e todo canto teñan no meu reino. 44Os gastos de construción e de restauración do templo serán pagados pola facenda real. 45Tamén correrán pola conta do rei os gastos de reconstrución das murallas de Xerusalén e de fortificación do seu recinto, e o mesmo a reconstrución doutras murallas en Xudea".

46Cando Ionatán e o seu pobo oíron tales palabras, non creron nelas nin as aceptaron, pois acordábanse ben do moito mal que lle fixera a Israel o rei Demetrio, e das súas moitas humillacións. 47Así que se decidiron por Alexandre, que fora o que primeiro lles falara de paz, e declaráronse aliados del para sempre. 48O rei Alexandre xuntou un exército moi grande e saíulle ao encontro a Demetrio. 49Trabaron combate os dous reis, e os do exército de Demetrio fuxiron. Alexandre perseguiunos e foi superior. 50Foi unha batalla sanguenta que durou ata a posta do sol. O rei Demetrio morreu aquel día.

### Ionatán, Alexandre e Ptolomeo VI

51Entón Alexandre mandou mensaxeiros a Ptolomeo, rei de Exipto, para dicirlle: 52–Volvín ao meu reino, e conseguín ocupar o trono de meus pais e conquistar o poder ao vencer a Demetrio; agora son dono desta terra; 53pois enfronteime con el, e vencémolo a el e ao seu exército e agora ocupo o seu trono. 54Fagamos, pois, unha alianza: dásme a túa filla por muller; eu serei o teu xenro e dareille a ela e mais a ti os regalos que mereces.

55O rei respondeulle: –Ditoso o día en que volviches á terra de teus pais e en que ocupaches o trono real. 56Con gusto farei o que me pides; ven, pois, a Ptolemaida, para vernos, e serei o teu sogro, como ti queres.

57Ptolomeo partiu de Exipto coa súa filla Cleopatra e chegou a Ptolemaida no ano cento sesenta e dous. 58O rei Alexandre saíulle ao encontro. Ptolomeo deulle a súa filla Cleopatra por muller e celebrouse o casamento en Ptolemaida con moita pompa, como adoitan facer os reis. 59O rei Alexandre escribiulle tamén a Ionatán para que o fose ver. 60Ionatán marchou a Ptolemaida cun grande acompañamento e entrevistouse cos dous reis. Fíxolles moitos regalos de ouro e prata a eles e aos seus amigos, e gañou as súas simpatías.

61Chegaron de Israel uns malvados e desleigados para acusar a Ionatán diante do rei, pero o rei non os recibiu. 62E non soamente iso, senón que mandou que lle quitasen a Ionatán a súa roupa e que o vestisen de púrpura; así o fixeron. 63E o rei sentouno ao seu lado e díxolles aos seus achegados: –Saíde con el pola cidade e proclamade que ninguén teña o atrevemento de acusalo de nada nin de meterse con el por cousa ningunha.

64Cando viron os honores públicos que lle tributaban e como ía vestido de púrpura, os seus acusadores fuxiron. 65O rei encheuno de honores, elevouno á dignidade de amigo do rei, e nomeouno xeneral e gobernador. 66Ionatán volveu a Xerusalén en paz e contento.

### Ionatán e Demetrio II

67No ano cento sesenta e cinco Demetrio, fillo de Demetrio, chegou de Creta á terra de seus pais. 68Ao sabelo o rei Alexandre volveuse para Antioquía moi contrariado. 69Demetrio puxo de gobernador en Celesiria a Apolonio, que xuntou un exército moi grande e acampou fronte a Iamnia. Desde alí mandoulle dicir ao sumo sacerdote Ionatán:

70–Ti es o único que te rebelaches contra nós, e pola túa culpa a xente rise e moquéase de nós. Por que te fas o valente na mon-

**10**, 51 *Ptolomeo*, trátase de Ptolomeo VI Filométor (180-145), que fora derrotado por Antíoco Epífanes (cf **1**, 18).

**10**, 57 O ano 150 a. C.

**10**, 67 *Demetrio II Nicátor*, que no 147 a. C. tenta recuperar o trono de seu pai Demetrio I.

taña? [71]Se de verdade tés fe nas túas tropas, ven abaixo, á terra chá, e mediremos as forzas, pois está comigo o exército das cidades. [72]Pregunta e saberás quen son eu e quen son os meus aliados, e xa o verás como che han dicir que non podedes resistir, e que xa teus pais fuxiron dúas veces na súa mesma terra. [73]Non darás resistido á miña cabalaría e un exército tan grande, nesta chaira, onde non hai pedras nin penedos, nin sitio para onde fuxir.

[74]Cando Ionatán oíu a mensaxe de Apolonio, encheuse de indignación; escolleu dez mil homes e saíu de Xerusalén. Seu irmán Simón veuno axudar con reforzos. [75]Acampou en fronte de Iafa, pero os da cidade pecháronlle as portas, porque había nela unha gornición de Apolonio. Eles atacárona, [76]e os habitantes da cidade, cheos de medo, abríronlle as portas, e Ionatán apoderouse dela. [77]Cando Apolonio coñeceu o que pasara, dispuxo para a batalla a tres mil xinetes e a moitos de infantería, e marchou cara a Axdod, simulando pasar de largo diante de Iafa; pero ao mesmo tempo avanzaba cara á chaira, pois confiaba na súa numerosa cabalaría. [78]Ionatán foi atrás del, cara a Axdod, e os dous exércitos trabaron combate. [79]Apolonio deixara escondidos ás costas dos xudeus mil xinetes; [80]pero Ionatán decatouse de que tiña unha emboscada por detrás, e, aínda que o rodearon e lle estiveron tirando frechas contra a súa tropa desde a mañá ata a noite, [81]esta aguantou ben, seguindo as ordes de Ionatán ata que os cabalos do inimigo cansaron. [82]Cando xa cansaron os cabalos, Simón avanzou co seu exército, atacou a falanxe; venceuna e fixoos fuxir. [83]A cabalaría espallouse pola chaira; os outros fuxiron cara a Axdod, para refuxiarse no templo do deus Dagón e así salvarse. [84]Ionatán incendiou Axdod e as aldeas do arredor, despois de rapinar todo; pegoulle lume tamén ao templo de Dagón con todos os que se refuxiaran nel. [85]Entre os caídos á espada e os queimados polo lume morreron arredor de oito mil homes. [86]Ionatán levantou o campamento e marchou para Axquelón. Os da cidade saíron para recibilo con moita festa. [87]Ionatán volveu para Xerusalén coas súas tropas cargadas de espolios. [88]Cando o rei Alexandre coñeceu estes acontecementos aínda lle concedeu a Ionatán máis honores; [89]mandoulle unha fibela de ouro, como é costume regalar aos familiares dos reis, e deulle o poder sobre Ecrón e a súa bisbarra.

**11**, 7 *O río Eléuzeros*, ao N de Trípoli, fronteira entre Siria e Fenicia.

### Ptolomeo traizoa a Alexandre

**11** [1]O rei de Exipto xuntou un exército moi grande, coma a area da praia, e intentou apoderarse con malicia do reino de Alexandre e de engadilo ao seu reino. [2]Marchou cara a Siria con aires de paz, e a xente das cidades abríalle as portas e saía ao seu encontro, pois o rei Alexandre mandara que o recibisen xa que era seu sogro. [3]En cada unha das cidades que visitaba Ptolomeo ía deixando gornicións. [4]Cando entrou en Axdod, ensináronlle o templo de Dagón queimado, a cidade e os seus arredores en ruínas, os cadáveres tirados polo campo adiante, amoreados polas beiras dos camiños os corpos calcinados dos que morreran na batalla contra Ionatán. [5]Contáronlle o que fixera Ionatán para desacreditalo, pero o rei calou. [6]Ionatán foino recibir a Iafa con grande acompañamento. Saudáronse e pasaron alí a noite. [7]Ionatán acompañou o rei ata o río Eléuzeros e volveu para Xerusalén.

[8]O rei Ptolomeo apoderouse de todas as cidades da costa ata Seléucida do Mar, e, argallando plans perversos contra Alexandre, [9]mandou embaixadores ao rei Demetrio coa seguinte mensaxe: –Temos que facer un pacto entre nós; eu dareiche a miña filla, a muller de Alexandre, e ti reinarás no reino de teu pai. [10]Estou arrepentido de lle dar a miña filla, pois el quíxome matar.

[11]Calumniouno porque desexaba apoderarse do seu reino. [12]Quitoulle a filla e deulla a Demetrio. Así rompeu as relacións con Alexandre e quedou ao descuberto a súa inimizade. [13]Ptolomeo entrou en Antioquía e cinguiu a coroa de Asia; así cinguiu a súa fronte con dúas coroas, a de Exipto e a de Asia.

[14]Por aqueles días o rei Alexandre estaba en Cilicia porque os habitantes daquela rexión rebeláranse. [15]Cando o soubo, marchou contra eles, pero Ptolomeo saíulle ao encontro cun exército poderoso e tivo que fuxir. [16]Alexandre escapou cara a Arabia na procura de protección e o rei Ptolomeo quedou dono da situación. [17]O árabe Zabdiel cortoulle a cabeza a Alexandre e mandoulla a Ptolomeo. [18]Dous días despois morría tamén o rei Ptolomeo e os habitantes das fortalezas mataron as gornicións que el deixara nelas.

### Demetrio II e Ionatán

[19]Así Demetrio comezou a reinar no ano cento sesenta e sete. [20]Por aquel tempo Io-

**11**, 8 *Seléucida do Mar*. Era o porto de Antioquía; distaba desta cidade arredor duns 20 km.
**11**, 19 Isto é, o 145 a. C.

natán xuntou os homes de Xudá para atacar a cidadela de Xerusalén, e construíu moitas máquinas de guerra. [21]Pero uns desleigados e inimigos do seu pobo, fóronlle dicir ao rei que Ionatán estaba cercando a cidadela. [22]O rei púxose colérico cando tal cousa oíu; partiu cara a Ptolemaida, e desde alí escribiulle a Ionatán dicíndolle que levantase o cerco e que acudise axiña a Ptolemaida para falar con el. [23]Ao recibir a carta, Ionatán mandou continuar o cerco, escolleu algúns anciáns de Israel e algúns sacerdotes e decidiu expoñerse ao perigo. [24]Foise presentar ao rei en Ptolemaida ben provisto de prata, ouro, roupas e outros regalos, e o rei recibiuno ben, [25]e iso que algúns desleigados do seu pobo acusárono. [26]O rei tratouno como o trataran os seus predecesores, honrándoo diante de todos os seus amigos. [27]Confirmouno no cargo de sumo sacerdote, e en todos os honores que xa tiña, e elevouno á categoría de amigo íntimo do rei.

[28]Ionatán pediulle ao rei que librase de tributos a Xudá e aos tres distritos de Samaria, e prometeulle en troques trescentos talentos de prata. [29]Ao rei pareceulle ben, e escribiulle sobre isto a seguinte carta a Ionatán:

[30]"O rei Demetrio saúda ao seu irmán Ionatán e ao pobo xudeu. [31]Para que esteades ao corrente, mandámosvos unha copia da carta que acerca de vós lle escribimos ao noso parente Lástenes:

[32]O rei Demetrio saúda a seu pai Lástenes. [33]Polas disposicións que ten para connosco resolvemos favorecer o pobo xudeu, amigo noso e fiel cumpridor das súas obrigacións connosco. [34]Confirmámoslle a posesión dos territorios de Xudá e dos distritos de Ofrah, Lida e Ramah, que foron desprendidos de Samaria e agora son anexos de Xudea. A todos os que ofrecen sacrificios en Xerusalén perdoámoslles o importe que o rei recibía deles todos os anos pola froita e os froitos. [35]Tamén perdoamos, de hoxe en diante, outros impostos aos que temos dereito, os décimos e os tributos das salinas e das coroas. [36]Estas disposicións non se cambiarán nunca.

[37]Sacade unha copia deste decreto e entregádella a Ionatán, para que sexa colocada nun sitio visible no monte santo".

**Revolta de Trifón**

[38]Ao rei Demetrio pareceulle que o país estaba pacificado baixo o seu mando e que xa ninguén se lle opoñía; entón licenciou todas as tropas, menos as mercenarias estranxeiras, e mandounas para a súa casa. Por isto púxose a mal con todos os soldados que pertenceran ao exército de seus pais. [39]Entón Trifón, antigo partidario de Alexandre, vendo que o exército murmuraba contra Demetrio, foi falar co árabe Imalcúe, preceptor de Antíoco, o fillo de Alexandre, [40]e pediulle con teimosía que llo entregase para facelo rei como sucesor de seu pai. Púxoo ao corrente de todo canto fixera Demetrio e do odio que lle tiñan os soldados. Trifón pasou alí bastantes días. [41]Entrementres Ionatán mandou ao rei Demetrio unha petición no sentido de que retirase a gornición da cidadela de Xerusalén e das outras fortalezas, porque lle facían moito mal a Israel. [42]Demetrio respondeulle así a Ionatán: –Por ti e polo teu pobo non só farei iso, senón que vos hei de cubrir de honores tan axiña como poida. [43]Pero agora fai o favor de me mandar algunhas tropas auxiliares, porque todo o meu exército desertou.

[44]Ionatán mandou para Antioquía tres mil homes escolleitos. Cando se presentaron diante do rei, moito se alegrou pola súa chegada. [45]Pero os habitantes da cidade, uns cento vinte mil, amotináronse no centro da cidade e querían matar o rei. [46]O rei refuxiouse no seu palacio, mentres a multitude ocupou todas as rúas da cidade e comezou o asalto. [47]O rei chamou na súa axuda aos xudeus; deseguida xuntáronse todos arredor del; despois espalláronse pola cidade e mataron naquel día uns cen mil homes. [48]Queimaron a cidade e recolleron moitos espolios. Así salvaron o rei. [49]Cando viron os da cidade que os xudeus dominaban a situación como querían, desanimáronse e suplicáronlle ao rei: [50]–Fagamos as paces, e que os xudeus deixen xa de loitar contra nós e contra a nosa cidade.

[51]Depuxeron as armas e fixeron as paces. Os xudeus colleron moito creto diante do rei e do seu pobo, e volveron para Xerusalén cheos de espolios. [52]Demetrio ocupou o trono real, e o país quedoulle sometido. [53]Pero non cumpriu o que lle prometera a Ionatán e arre-

**11**, 32 Probablemente fose *Lástenes* neste momento gobernador de Celesiria.

**11**, 39 Trátase de Antíoco VI, que reinou desde o 145 ao 142 a. C.

douse del, pois ademais de non agradecer os servizos que lle prestara, molestábao moito.

54Despois destes sucesos, Trifón volveu con Antíoco, un rapaz moi noviño aínda, que cinguiu a coroa e empezou a reinar. 55Xuntáronselle todas as tropas que Demetrio licenciara e fixéronlle a guerra e Demetrio tivo que fuxir derrotado. 56Trifón apoderouse dos elefantes e ocupou Antioquía. 57Entón o mozo Antíoco escribiulle a Ionatán o seguinte: "Confírmote no cargo de sumo sacerdote, póñote ao mando dos catro distritos e declárote amigo do rei".

58E mandoulle unha vaixela completa de ouro, e deulle autorización para beber en copas de ouro, para vestirse de púrpura e para usar fibela de ouro. 59E a seu irmán Simón nomeouno xeneral no territorio comprendido entre a Escada de Tiro e a fronteira de Exipto.

60Ionatán empezou a percorrer todas as cidades da parte de acó do río Éufrates, e engadíronselle todas as tropas sirias. Chegou a Axquelón, e os habitantes da cidade fixéronlle un gran recibimento. 61De alí pasou a Gaza, pero os de Gaza pecháronlle as portas. Entón el cercouna, e queimou e saqueou os seus arredores. 62Os moradores da cidade pedíronlle a paz e concedéullela, pero colleu como reféns os fillos da xente grande e mandounos a Xerusalén. E el seguiu o seu percorrido polo país ata Damasco. 63Alí informouse de que os xenerais de Demetrio estaban reunidos en Quédex de Galilea cun grande exército para facerlle abandonar o seu proxecto. 64Deixou a seu irmán Simón en Xudá e el saíulles ao encontro. 65Simón foi atacar Betsur, cercouna e combateuna durante moitos días, 66ata que pediron a paz; el aceptouna, pero fixo evacuar a cidade, apoderouse dela e deixou nela unha gornición.

67Entrementres Ionatán acampou co seu exército ao pé do lago de Xenesaret, e pola mañanciña avanzou cara á chaira de Hasor. 68O exército inimigo saíulle ao encontro na terra chá, pero deixara feita unha emboscada nos montes contra Ionatán. Empezou o combate; 69os homes emboscados saíron dos seus recunchos 70e todos os soldados de Ionatán fuxiron, non quedou ningún, a non ser Matatías, fillo de Abxalom, e Xudas, fillo de Calfeo, capitáns do exército. 71Ionatán colleu e rachou as súas roupas, botou terra pola cabeza e púxose a rezar. 72Despois volveu ao combate contra os inimigos, derrotounos e fixoos fuxir. 73Cando viron isto os seus soldados que fuxiran volveron para onda el, e entre todos perseguiron os inimigos ata o seu campamento de Quédex e alí detivéronse. 74Aquel día caeron uns tres mil inimigos. Ionatán volveu despois para Xerusalén.

### Renovación da alianza con Roma e con Esparta

**12** 1Vendo Ionatán que era o momento oportuno, escolleu algúns homes e mandounos a Roma para confirmar e renovar o tratado de amizade cos romanos. 2Tamén aos espartanos e aos outros pobos lles remitiu cartas co mesmo fin.

3Os mensaxeiros saíron para Roma, entraron no senado e dixeron: –O sumo sacerdote Ionatán e o pobo xudeu mandáronnos para renovar convosco o antigo tratado de amizade e alianza.

4Os romanos entregáronlles cartas de recomendación para as autoridades de cada lugar, co fin de que puidesen chegar con paz á terra de Xudá.

5Copia da carta que Ionatán escribiu aos espartanos:

6"O sumo sacerdote Ionatán, o consello da nación, os sacerdotes e todo o pobo xudeu saúdan aos seus irmáns, os espartanos.

7Noutrora o sumo sacerdote Onías recibiu do voso rei Areios unha carta na que se dicía que vós erades os nosos irmáns, como consta pola copia adxunta. 8Onías recibiu con todos os honores ao voso mensaxeiro, e recibiu a carta que falaba claramente de alianza e amizade. 9Nós, aínda que non precisamos destes tratados pois contamos co alento das nosas santas Escrituras, 10acordamos enviarvos uns mensaxeiros para renovar convosco os lazos de irmandade e amizade que nos vinculan, co fin de non vos tratar coma estraños, pois pasou xa moito tempo desde que recibimos a vosa carta. 11Non vos esquecemos nos sacrificios e oracións que facemos por causa das festas e días santos, pois é cousa xusta e razoable lembrarse dos irmáns. 12Alegrámonos moito pola vosa prosperidade. 13Nós tivemos que pasar por moitas tribulacións e facer fronte ás moitas guerras que nos fixeron os reis veciños; 14pero non vos quixemos molestar nin a vós nin aos outros aliados e amigos nosos, 15porque contamos coa axu-

**11**, 59 *Escada de Tiro*. Montaña ao pé do mar, preto de Ptolemaida. Era o lindeiro N do seu territorio.
**12**, 2 Cf **15**, 22-23.

**12**, 7 *Onías*, é Onías I, sumo sacerdote do 320 ao 290 a. C. O rei *Areios* é Areios I de Esparta (309-265 a. C.).

da constante do Ceo, e así librámonos dos nosos inimigos, que foron derrotados. [16]Así que escollemos a Numenio, fillo de Antíoco, e a Antípatro, fillo de Iasón, e enviámolos a Roma para renovar con eles o noso antigo tratado de amizade e alianza, [17]e mandámoslles tamén que se presentasen a vós, que vos saudasen e que vos entregasen esta carta para renovar a nosa irmandade. [18]Esperamos que nos contestedes favorablemente".

[19]Copia da carta mandada a Onías:

[20]"Areios, rei de Esparta, saúda ao sumo sacerdote Onías.

[21]Atopamos nalgúns documentos escritos que espartanos e xudeus son irmáns por seren da raza de Abraham. [22]Agora que o sabemos pedímosvos que teñades a ben falarnos da vosa prosperidade. [23]Pola nosa parte dicímosvos que o voso gando e os vosos bens son nosos, e os nosos, vosos. Por iso dei a orde de que se vos comunique isto".

[24]Ionatán informouse de que volveran os xenerais de Demetrio cun exército moito máis grande ca o de antes para atacalo; [25]e saíu de Xerusalén ao seu encontro cara á bisbarra de Hamat, sen lles dar tempo a que invadisen o país. [26]Os espías que mandara ao campamento inimigo volveron dicindo que o inimigo resolvera atacalos pola noite. [27]Ao solpor Ionatán mandou aos seus homes que estivesen alerta toda a noite, armados e dispostos á loita, e colocou sentinelas arredor do campamento. [28]Cando os inimigos souberon que Ionatán e os seus estaban preparados para a loita, colleron medo, acenderon fogueiras no campamento e fuxiron. [29]Pero Ionatán e os seus como vían o lume das fogueiras non se decataron do feito ata o amencer. [30]Entón Ionatán perseguiunos, pero non os deu alcanzado, porque xa pasaran o río Eléuzeros. [31]Ionatán volveuse contra os árabes zabadeos, derrotounos e apoderouse dos espolios. [32]Despois levantou o campamento, foi para Damasco e percorreu toda aquela rexión.

[33]Entre tanto Simón partira cara a Axquelón e as fortalezas veciñas; e dirixiuse logo cara a Iafa e conquistouna, [34]pois oíra que os habitantes quixérana entregar aos de Demetrio, e deixou nela unha gornición de defensa. [35]Cando volveu Ionatán fixo unha xuntanza cos anciáns do pobo, e decidiron construír fortalezas en Xudá, [36]levantar máis as murallas de Xerusalén e construír un muro alto entre a cidadela e a cidade, para illar a cidadela e para que así non puidesen nin mercar nin vender na cidade. [37]Xuntáronse para reconstruír a cidade, pois caera unha parte do muro oriental, o que dá ao torrente; restaurárono e puxéronlle o nome de Capenat. [38]Simón reconstruíu tamén Hadid, na Xefelah, fortificouna e púxolle portas con ferrollos.

### Traizón de Trifón a Ionatán

[39]Trifón teimaba apoderarse do trono de Asia, cinguir a coroa e deixar a un lado ao rei Antíoco, [40]pero tíñalle medo á posible oposición e declaración de guerra por parte de Ionatán, e por iso andaba á procura do momento para prendelo e matalo. Con esta intención dirixiuse a Betxeán. [41]Ionatán saíulle ao encontro con corenta mil homes escolleitos, e achegouse tamén a Betxeán. [42]Trifón, ao ver que Ionatán chegara cun exército tan grande, temeu botarlle a man. [43]Fíxolle un grande recibimento e presentóullelo a todos os seus xenerais; agasallouno con moitos regalos e mandoulle ao seu exército que o obedecesen coma a el mesmo.

[44]Despois díxolle a Ionatán: –Por que molestaches a esta chea de xente, se entre nós non hai guerra? [45]Licénciaos, escolle uns poucos para que che fagan compañía e ven comigo a Ptolemaida; heiche entregar a cidade coas outras fortalezas, o resto do exército e todos os funcionarios. Despois eu marcho, que para isto vin.

[46]Ionatán fixolle caso, e dispuxo conforme lle dixera: licenciou as tropas, que regresaron a Xudá, [47]e quedou el con tres mil homes; destes, dous mil quedaron en Galilea e mil acompañárono a el. [48]Cando Ionatán entrou en Ptolemaida, os da cidade pecháronlle as portas, prendérono e mataron a todos os que o acompañaban. [49]Trifón mandou tamén tropas de infantería e cabalaría a Galilea e á chaira do Esdrelón para acabar cos soldados de Ionatán. [50]Pero estes, que xa sabían que prenderan e mataran a Ionatán e aos que ían na súa compaña, animáronse os uns aos ou-

**12**, 23 Se as relacións entre xudeus e espartanos son moi probables, a autenticidade destas dúas cartas xa non o é tanto.

**12**, 25 *Hamat*, cidade situada ao N de Palestina, na ribeira dereita do río Orontes.

**12,** 31 *Zabadeos*, pertencentes a unha tribo árabe dos arredores de Damasco.

**12**, 37 É o torrente Cedrón.

**12**, 40 Decote o autor ofrece análises deste tipo, sumamente simplistas e partidarias, alleas a unha consideración serea da realidade sociopolítica daqueles tempos. Ionatán era un pequeno estorbo que cumpría quitar de diante.

tros, e avanzaron dispostos a loitar. 51Os seus perseguidores, vendo que se decidían a loitar pola súa vida, volvéronse. 52E así chegaron todos sans e salvos a Xudá. Choraron moito por Ionatán e polos seus compañeiros, ao tempo que temían pola súa sorte. Todo Israel gardou grande loito.

53Entón todos os pobos veciños intentaron acabar con eles, pois dicían: –Xa non teñen nin xefe nin quen os defenda; ataquémolos, pois, e fagamos desaparecer o seu recordo de entre os homes.

### Simón, sumo sacerdote e xefe do pobo

**13** 1Cando Simón soubo que Trifón formara un grande exército para ir contra a terra de Xudá e devastala, 2e viu que a xente estaba tremendo, subiu a Xerusalén 3e alentounos con estas palabras: –Ben sabedes canto fixemos pola Lei e polo templo eu, meus irmáns e toda a miña familia, as guerras e desgrazas que sufrimos. 4Por iso morreron meus irmáns por Israel e xa só quedo eu. 5Pero non queira Deus que neste momento de perigo vaia eu recuar por amor á miña vida, pois non son mellor ca meus irmáns. 6Polo contrario, defenderei o meu pobo, o templo, as vosas mulleres e os vosos fillos, agora que todos os estranxeiros, cheos de carraxe, se xuntan contra nós para exterminarnos.

7Ao oílo falar, o pobo animouse 8e todos responderon a berros: –Ti es o noso xefe, despois de Xudas e de Ionatán. 9Dirixe a nosa guerra, que faremos canto nos mandes.

10Simón convocou a todos os soldados, e buliu para acabar de construír as murallas de Xerusalén, e fortificouna toda arredor. 11Enviou a Iafa a Ionatán, fillo de Abxalom, cun exército regularciño, e Ionatán botou fóra da cidade aos seus habitantes e estableceuse nela.

12Trifón saíu de Ptolemaida á fronte dun gran exército para invadir Xudá; levaba con el a Ionatán prisioneiro. 13Simón acampou en Hadid na chaira. 14Cando Trifón soubo que Simón substituíra a seu irmán Ionatán e que estaba disposto e facerlle fronte, mandoulle a seguinte mensaxe: 15"Temos prisioneiro a teu irmán Ionatán, polos cartos que debía ao tesouro real en razón dos cargos que tiña. 16Mándanos cen talentos de prata e a dous dos seus fillos, como reféns, para que non se rebele contra nós ao verse ceibe, e liberarémolo".

17Aínda que Simón sabía que Trifón o quería enganar, mandoulle os cartos e os dous fillos para que o pobo non se enfadase con el 18e andase dicindo despois: –Mataron a Ionatán por non lle mandar os cartos e os fillos.

19Mandoulle, pois, os fillos e os cen talentos. Pero Trifón faltou á súa palabra e non liberou a Ionatán. 20Despois Trifón marchou para invadir e devastar o país. Rodeou polo camiño de Adoraim, pero Simón co seu exército saíalle ao encontro onde queira que el fose. 21Os da cidadela mandáronlle mensaxeiros a Trifón pedíndolle que se dese présa en ir na súa axuda atravesando polo deserto, e que lles levase víveres. 22Trifón preparou toda a súa cabalaría para ir alá aquela mesma noite, pero caeu unha nevada tan grande que non puido partir. Entón marchou para Galaad. 23Ao chegar cerca de Basamah matou a Ionatán e enterrouno alí. 24Despois Trifón deu a volta e marchou para a súa terra.

25Simón mandou recoller os restos de seu irmán Ionatán e enterrouno en Modín, o pobo de seus pais. 26Todo Israel fixo grandes funerais por el e chorouno durante moitos días. 27Simón construíu enriba do sepulcro de seus pais e de seus irmáns un monumento alto e visible desde moi lonxe, recuberto de pedras labradas por diante e por detrás. 28Ergueu tamén sete pirámides, unhas enfronte doutras, para honrar a seu pai, a súa nai e aos seus catro irmáns. 29Para decorar as pirámides púxolles grandes columnas arredor, e nas columnas mandou esculpir trofeos para eterna lembranza, e a carón dos trofeos, barcos, para que os visen todos os navegantes. 30Este monumento que mandou construír en Modín aínda hoxe existe.

### Simón e Demetrio II

31Trifón, que conspiraba contra o rei Antíoco, aínda novo, acabou por matalo. 32Ocupou o seu trono, cinguiu a coroa de Asia e foi causa de moitos males para o país. 33Simón reconstruíu as fortalezas de Xudá, ergueu arredor delas torres e murallas moi altas, con portas e ferrollos, e deixoulles moitas provisións. 34Escolleu algúns homes e enviounos ao rei Demetrio para pedirlle que perdoase os impostos ao país, porque as intervencións

**13**, 4 Coidaba Simón, coma os demais, que Ionatán fora asasinado.
**13**, 20 *Adoraim*, 13 km ao SO de Hebrón. A volta que fixo Trifón para poder chegar a Xerusalén xustificase por razóns de refugar así o encontro con Simón en zonas de montaña.
**13**, 31 Era o ano 142 a. C. Aínda o rei era un pícaro.

de Trifón foran verdadeiras rapinadas. [35]O rei Demetrio contestou a esta petición coa carta seguinte:

[36]"O rei Demetrio saúda a Simón, sumo sacerdote e amigo dos reis, aos anciáns e ao pobo xudeu.

[37]Recibimos a coroa de ouro e a palma que nos mandastes, e estamos dispostos a facer convosco unha paz duradeira e a escribir aos funcionarios para que vos perdoen os impostos. [38]Segue tendo valor todo canto ordenamos en favor voso, e as fortalezas que construístes quedan para vós. [39]Tamén vos perdoamos as faltas e as ofensas cometidas ata o día de hoxe e a coroa que me debedes. E se Xerusalén ten algún imposto, non se vos cobrará máis. [40]Se algún de vós está disposto a alistarse na nosa garda persoal pódeo facer. E que haxa paz entre nós".

[41]No ano cento setenta Israel ceibouse do xugo estranxeiro, [42]e empezáronse a datar así os documentos e os contratos: "Ano primeiro de Simón, sumo sacerdote, xeneral e xefe dos xudeus".

[43]Daquela acampou Simón fronte a Guézer e cercouna coas súas tropas; construíu unha torre de asalto, achegouna á cidade e atacou un dos torreóns, que deu tomado. [44]Cando os que ían na torre de asalto entraron na cidade, armouse dentro unha grande axitación. [45]Os habitantes da cidade coas súas mulleres e os seus fillos, subiron ás murallas, racharon os seus vestidos e pedíronlle a paz a Simón berrando: [46] –Non nos trates como merecen as nosas maldades, senón segundo a túa misericordia.

[47]Simón calmouse e deixou de atacar, pero expulsounos da cidade, purificou as casas nas que había ídolos e entrou logo entre cántigas de loanza e de agradecemento. [48]Botou fóra da cidade toda impureza, e instalou nela xente observante da Lei; fortificouna e construíu nela unha casa para el. [49]Os que vivían na cidadela de Xerusalén, como non podían nin saír nin entrar na bisbarra, pasaban moita fame, e moitos deles morreron mazmidos. [50]Pedíronlle a Simón que lles concedese a paz e el concedéullela, pero expulsounos de alí e limpou a cidadela de todas as profanacións. [51]O día vinte e tres do mes segundo do ano cento setenta e un os xudeus entraron na cidadela entre cántigas de loanza, con palmas, e ao son de cítaras, tambores e arpas, con himnos e cancións, porque acabaran por fin cun gran inimigo de Israel. [52]Simón mandou que todos os anos se celebrase cunha festa aquela data. Fortificou o monte do templo, que está ao pé da cidadela, e viviu alí cos seus. [53]E vendo que o seu fillo Xoán era xa todo un home, nomeouno xefe de todo o exército, con residencia en Guézer.

### Loanza de Simón

**14** [1]No ano cento setenta e dous o rei Demetrio xuntou as súas tropas e marchou a Media na procura de axuda para facerlle a guerra a Trifón. [2]Cando Arsaces, rei de Persia e de Media, soubo que Demetrio entrara no seu territorio, mandou un dos seus xenerais para que o prendesen vivo. [3]Foi alá o xeneral, derrotou ao exército de Demetrio, prendeuno e levoullo a Arsaces; e Arsaces meteuno na cadea.

[4]Mentres Simón viviu,
houbo paz en Xudá,
traballou polo ben do seu pobo,
o seu goberno gustoulles sempre a todos,
e o mesmo a súa grandeza.
[5]Fixo medrar a súa grandeza
coa conquista do porto de Iafa;
así abriu un camiño
cara aos pobos marítimos.
[6]Estendeu as fronteiras da súa nación
e conservou o mando do seu país.
[7]Rescatou moitos cativos,
apoderouse de Guézer,
de Betsur e da cidadela;
botou fóra dela todas as profanacións
e non houbo quen lle resistise.
[8]A xente traballaba en paz as súas terras;
as leiras daban as súas colleitas
e as árbores da terra chá os seus froitos.
[9]Os velliños sentábanse nos rueiros
falando do ben que ían as cousas,
e os mozos vestían
gloriosos uniformes de guerra.
[10]Abasteceu de viandas as cidades
e dotounas de medios de defensa,
chegou a súa sona ata o cabo do mundo.
[11]Pacificou todo o país
e Israel encheuse de alegría.
[12]Todos acougaron
á sombra da súa parra e da súa figueira
sen que ninguén os inquietase.
[13]Acabou cos inimigos do país,
e no seu tempo os reis eran derrotados.

**13**, 41 Isto é o ano 142 a. C. Simón consegue independizar o seu pobo do dominio estranxeiro.
**13**, 51 Por maio do ano 141 a. C.
**14**, 1 O ano 140 a. C.
**14**, 2 *Arsaces* é Mitrídates I, que reinou do 171 ao 138 a. C.

[14]Deu axuda á xente humilde do pobo,
preocupouse pola Lei
e desterrou os desleigados e perversos.
[15]Devolveulle ao templo o seu honor
e aumentou os vasos sagrados.

[16]En Roma e en Esparta, cando souberon a noticia da morte de Ionatán sentírono moitísimo. [17]Pero cando souberon tamén que seu irmán o sucedera como sumo sacerdote e como gobernador da nación e das súas cidades [18]escribíronlle en táboas de bronce para renovar con el o tratado de amizade e de alianza que fixeran con seus irmáns Xudas e Ionatán. [19]As cartas léronse en Xerusalén nunha xuntanza do pobo.

[20]Esta é a copia da carta que mandaron os espartanos:

"Os maxistrados e a cidade de Esparta saúdan a Simón, sumo sacerdote, aos anciáns, aos sacerdotes e a todo o pobo dos xudeus, nosos irmáns.

[21]Os embaixadores que mandastes informáronnos da prosperidade e esplendor que tedes. A súa chegada alegrounos moito, [22]e rexistramos as súas palabras no libro de actas do seguinte modo: Numenio, fillo de Antíoco, e Antípatro, fillo de Iasón, embaixadores dos xudeus, visitáronnos para renovar connosco o tratado de amizade. [23]Ao pobo pareceulle ben facerlles un gran recibimento e depositar unha copia das súas palabras entre os documentos públicos, para que os espartanos o recorden sempre. Fixemos unha copia disto para o sumo sacerdote Simón".

[24]Despois Simón mandou a Roma a Numenio cun gran escudo de ouro de mil minas de peso, para renovar a alianza cos romanos.

**Agradecemento do pobo a Simón**

[25]Cando o pobo soubo de todas estas cousas, dixo:

[26]–Que recompensa lles imos dar a Simón e aos seus fillos? Pois o certo é que tanto el coma seus irmáns e toda a súa familia loitaron con valor contra os nosos inimigos e grazas a eles conseguimos a liberdade.

Gravaron unha inscrición en placas de bronce e colocáronas nunhas columnas no monte Sión. [27]A inscrición dicía:

"O día dezaoito do mes de *Elul* do ano cento setenta e dous –o ano terceiro de Simón, sumo sacerdote– [28]nunha asemblea extraordinaria dos sacerdotes, do pobo, dos dirixentes do pobo e dos anciáns de Israel, acordouse o seguinte:

[29]Cando o país estaba en guerra continua, Simón, fillo de Matatías, da familia de Ioarib, e seus irmáns expuxéronse ao perigo e fixeron fronte aos inimigos da patria, para manter incólume o templo e mais a Lei; e así cubriron de gloria ao seu pobo. [30]Ionatán realizou a unión do seu pobo, fixo de sumo sacerdote e foise xuntar cos seus. [31]Entón os inimigos de Israel quixeron invadir e devastar o país e apoderarse do templo. [32]Pero ergueuse Simón e loitou pola súa patria, gastou gran parte dos seus bens en equipar e pagarlles aos soldados do seu pobo. [33]Fortificou as cidades de Xudá e Betsur que está na fronteira de Xudá, onde antes estaban as tropas inimigas, e deixou alí unha gornición xudía. [34]Fortificou tamén Iafa, na beira do mar, e Guézer que linda con Axdod, morada noutrora dos inimigos, e estableceu nelas colonias xudías que abasteceu de canto lles cumpría para a súa defensa. [35]Cando a xente viu a lealdade de Simón e o interese que poñía en engrandecer o seu país, nomeouno xefe e sumo sacerdote seu, como premio por canto fixera, pola xustiza e lealdade de que dera proba en favor do seu pobo, e por todos os esforzos que fixera por engrandecelo. [36]No seu tempo conseguiuse expulsar do país aos estranxeiros, sobre todo aos que estaban na cidade de David, en Xerusalén, que fixeran dela unha fortaleza, de onde baixaban para profanar os arredores do templo e aldraxar a súa santidade. [37]Simón puxo na cidadela tropas xudías, fortificouna para seguranza do país e da cidade, e deulles máis altura ás murallas de Xerusalén. [38]Por iso o rei Demetrio confirmouno no cargo de sumo sacerdote, [39]deulle o título de amigo do rei e concedeulle moitos honores, [40]porque o rei informárase de que os romanos tiñan aos xudeus por amigos, aliados e irmáns, e de que lles fixeran un gran recibimento aos embaixadores de Simón, [41]e de que o pobo xudeu e os seus sacerdotes acordaran o seguinte: que Simón fose o seu xefe e sumo sacerdote de por vida –mentres non aparecese un profeta digno de fe–; [42]que fose tamén o seu xeneral para coidar do templo, da inspección das obras, da administración do país, do armamento e das fortalezas; [43]que coidara do santuario; que todos lle obedecesen; que se redactasen no seu nome todos os documentos públicos do país, que vestise de púrpura e ouro. [44]A ninguén, fose leigo ou sacerdote, lle estaría permitido violar ningunha destas disposicións, contra-

**14**, 27 Isto é por setembro do 140 a. C.

dicir as ordes que el dese, facer xuntanzas no país sen o seu permiso, vestirse de púrpura ou levar fibela de ouro. [45]Se alguén non fixese caso destas disposicións e violase algunha delas, sería castigado".

[46]Todo o pobo acordou que se lle dese a Simón autoridade para obrar conforme a estas disposicións. [47]Simón aceptou agradecido ser sumo sacerdote, xefe e etnarca dos xudeus e dos sacerdotes e gobernalos a todos. [48]Acordaron gravar este documento en placas de bronce e colocalo no adro do templo, nun sitio ben visible, [49]e que unha copia do mesmo se deixase no tesouro a disposición de Simón e de seus fillos.

### Antíoco VII e Simón

**15** [1]Antíoco, fillo do rei Demetrio, mandoulle unha carta desde unha illa do Mediterráneo a Simón, sumo sacerdote e xefe dos xudeus, e a todo o pobo. [2]A carta dicía:

"O rei Antíoco saúda a Simón, sumo sacerdote e xefe do pobo, e á nación xudía.

[3]Tendo en conta que algúns malvados se apoderaron do reino de meus pais, estou decidido a recuperalo e a devolverlle a grandeza anterior. Con este fin recrutei un gran exército e equipei barcos de guerra, [4]co desexo de desembarcar no país e castigar aos que botaron a perder o reino e devastaron moitas das súas cidades. [5]Así que confírmoche as exencións de impostos e calquera outra exención que che concederan os reis que me precederon. [6]Permítoche cuñar moeda propia para o teu país. [7]Xerusalén e o seu templo serán libres. Seguirán no teu poder todas as armas que conseguiches e todas as fortalezas que construíches, e que hoxe son túas. [8]Perdóoche, desde agora e para sempre, todas as débedas ao tesouro real, presentes ou futuras. [9]Cando tome posesión do meu reino honrarémosvos a ti, á túa nación e ao templo con honores tan grandes que a vosa gloria será coñecida en todo o mundo".

[10]No ano cento setenta e catro Antíoco entrou na terra de seus pais e case todas as tropas se pasaron ao seu bando, soamente uns poucos quedaron con Trifón. [11]Antíoco perseguiu a Trifón que se foi refuxiar en Dor do Mar, [12]pois decatárase de que estaba nunha situación angustiosa desde que o abandonaran as súas tropas. [13]Antíoco acampou en fronte de Dor con cento vinte mil soldados de infantería e oito mil xinetes. [14]Cercaron a cidade e os seus barcos fóronse achegando, de maneira que a cidade quedou cercada por terra e por mar e ninguén podía nin entrar nin saír dela. [15]Entre tanto chegaron de Roma Numenio e os seus compañeiros cunha carta para os reis dos diversos países que dicía así:

[16]"Lucio, cónsul romano, saúda ao rei Ptolomeo.

[17]Chegaron aquí, onda nós, uns embaixadores xudeus, mandados polo sumo sacerdote Simón e o pobo xudeu para renovar os tratados de amizade e alianza, [18]e trouxéronnos un escudo de ouro que pesaba mil minas. [19]Pareceunos acertado escribir aos reis dos diversos países para que non lles fagan mal ningún, nin os ataquen a eles, ás súas cidades e ao seu país, e para que non se alíen cos seus adversarios. [20]Tamén nos pareceu ben aceptar o devandito escudo. [21]Se se atopan refuxiados entre vós algúns xudeus escapados do seu país, entregádellos ao sumo sacerdote Simón para que os castigue de acordo coa Lei".

[22]E escribiu cartas semellantes ao rei Demetrio, a Atalo, a Ariarates, a Arsaces, [23]e a todos os países: Sánsame, Esparta, Delos, Mindos, Sición, Caria, Samos, Panfilia, Licia, Halicarnaso, Rodas Farsélida, Cos, Side, Arades, Górtina, Cnidos, Chipre e Cirene. [24]Ao sumo sacerdote Simón mandáronlle copia destas cartas.

[25]Entretanto o rei Antíoco seguía cercando Dor; atacouna con todas as súas forzas e construíu máquinas de guerra. O cerco era tal que Trifón nin podía saír nin entrar. [26]Simón mandoulle unha axuda de dous mil homes escolleitos, con prata, ouro e moito armamento; [27]pero el non os quixo recibir, e non soamente iso, senón que ademais anulou os acordos anteriores e rompeu con el. [28]Envioulle a Atenobio, un dos seus amigos, para verse con el e dicirlle: –Vós estades ocupando Iafa, Guézer e a cidadela de Xerusalén, cidades todas do meu reino. [29]Devastastes os seus territorios, fixestes moito mal no país e apoderástesvos de moitas poboacións do meu reino. [30]Así que devolvédeme as cidades ocupadas e os tributos das poboacións de que vos apoderastes fóra das fronteiras de Xudá. [31]E se non, dádeme en compensación cincocentos talentos de prata, e outros cincocentos

**14**, 46 O pobo fai unha especie de pacto polo que entrega a Simón uns poderes absolutos e ditatoriais.
**15**, 1 Trátase de Antíoco VII Sidetes, fillo de Demetrio I e irmán de Demetrio II, que ao oír que seu irmán estaba prisioneiro (cf **14**, 3), intentou facerse co trono de Siria.
**15**, 10 É dicir, no 138 a. C.
**15**, 15 Introdúcense aquí uns documentos que rompen o relato do asedio de Dor. Posiblemente sexa consecuencia dunha redacción posterior do libro.

polos prexuízos causados e polos tributos das cidades; do contrario farémosvos a guerra.

[32]Cando Atenobio, amigo do rei, chegou a Xerusalén, quedou abraiado diante da magnificencia de Simón, a vaixela de ouro e de prata e a riqueza admirable. E entregoulle a mensaxe do rei. [33]Simón respondeulle: –Nós non ocupamos terra estranxeira, nin nos apoderamos de bens alleos, senón da herdanza dos nosos maiores, que os nosos inimigos retiveron inxustamente por algún tempo. [34]Aproveitando o momento oportuno non fixemos máis que recuperar a herdanza dos nosos maiores. [35]As cidades de Iafa e Guézer, que ti reclamas, fixéronlle moito mal ao noso pobo e devastaron a nosa terra. Por elas estamos dispostos a darche cen talentos.

[36]Atenobio non lles dixo nin palabra; volveuse todo furioso onda o rei e comunicoulle a resposta; tamén lle falou da magnificencia de Simón e de todo o que el vira. O rei púxose colérico. [37]Entrementres Trifón conseguiu fuxir nunha barca a Ortosia.

[38]O rei nomeou a Cendebeo xeneral da zona costeira e entregoulle tropas de infantería e de cabalaría. [39]Mandoulle que acampase en fronte de Xudá, que reconstruíse Cedrón, que reforzase as súas portas, e que fustrigase ao pobo. O rei foi perseguir a Trifón. [40]Unha vez que Cendebeo chegou a Iamnia, empezou a meterse co pobo, a invadir Xudá, a facer prisioneiros e a matar xente. [41]Reconstruíu Cedrón e nela colocou soldados de a pé e de a cabalo, para que fixesen correrías polos camiños de Xudá, segundo mandara o rei.

### Xoán derrota a Cendebeo

**16** [1]Xoán subiu de Guézer e comunicoulle a seu pai Simón o que Cendebeo andaba a facer. [2]Simón chamou aos seus dous fillos máis vellos, Xudas e Xoán, e díxolles: –Eu e mais meus irmáns e mais toda a miña familia combatemos aos inimigos de Israel desde que eramos mozos ata hoxe, e co noso esforzo conseguimos liberar a Israel. [3]Eu xa vou vello, pero vós, grazas a Deus, estades na idade mellor. Ocupade o meu posto e mais o de meu irmán, e ide loitar pola patria. Que a axuda do Ceo vaia convosco.

[4]Escolleron vinte mil do país entre guerreiros valentes e xinetes, e partiron contra Cendebeo. Pasaron a noite en Modín, [5]e pola mañanciña erguéronse e avanzaron cara a terra chá; entón saíulles ao encontro un poderoso exército de infantería e cabalaría. Só os separaba un torrente. [6]Xoán e as súas tropas dispuxéronse a atacar. Xoán, ao decatarse de que as súas tropas tiñan medo a pasar o torrente, atravesouno el primeiro, e as súas tropas, ao velo, pasaron atrás del. [7]Dividiu a súa xente en dous corpos, e colocou no medio aos de a cabalo, porque os xinetes inimigos eran moitísimos. [8]Soaron as trompetas e Cendebeo e o seu exército foron vencidos; moitos deles caeron feridos e os demais fuxiron á fortaleza. [9]Tamén foi ferido Xudas, o irmán de Xoán. Xoán perseguiunos ata a cidade de Cedrón, reconstruída por Cendebeo. [10]Os inimigos fuxiron para as torres do campo de Axdod, pero Xoán pegoulles lume, e así morreron arredor de dous mil contrarios. Despois volveu vitorioso a Xudá.

### Asasinato de Simón

[11]Ptolomeo, fillo de Abubos, fora nomeado gobernador da terra chá de Iericó. Tiña moita prata e ouro, [12]porque era o xenro do sumo sacerdote. [13]Pero tanto se ensoberbeceu que quería apoderarse de todo o país, e así decidiu matar traizoeiramente a Simón e os seus fillos. [14]Simón visitaba daquela as cidades do país para ver como ían os asuntos, e baixou a Iericó cos seus fillos Matatías e Xudas; era no undécimo mes, ou sexa no mes de *Xebat*, do ano cento setenta e sete. [15]O fillo de Abubos recibiunos arteiramente na fortaleza de Doc, construída por el mesmo. Ofreceulles un gran banquete, pero deixou escondidos uns poucos homes. [16]Cando Simón e os seus fillos estaban bébedos, Ptolomeo fixo un sinal; entón os escondidos saíron coas armas e botáronse contra eles, e mataron a Simón, os seus dous fillos e a algúns dos seus acompañantes. [17]Cometeu unha gran traizón devolvendo mal por ben.

[18]Despois Ptolomeo escribiulle ao rei dicíndolle o que pasara e pedíndolle que lle mandase tropas de auxilio para apoderarse do país e das súas cidades. [19]Mandou tamén algúns a Guézer para que matasen a Xoán. Escribiu cartas aos oficiais do exército para que se pasasen ao seu bando, e prometeulles prata, ouro e outros regalos. [20]Enviou outro grupo para que ocupasen Xerusalén e o monte do templo. [21]Pero alguén foi correndo a Guézer e comunicoulle a Xoán que mataran

**16**, 14 Por xaneiro do ano 134.
**16**, 23-24 O remate do libro ten moita semellanza cos finais empregados nos libros dos Reis. Xoán Hircano, fillo de Simón, o primeiro dos asmoneos, foi rei e sumo sacerdote, do 134 ao 104 a. C.

a seu pai e a seus irmáns e que mandaran matalo a el tamén. 22Ao saber isto, Xoán quedou estarrecido; mandou prender aos que o viñan matar e matounos, pois sabía as súas intencións.

23Os demais feitos do Xoán, as fazañas que levou a cabo, os muros que ergueu, e todas as súas obras, 24pódense ver escritas nos anais do seu pontificado, desde o día en que sucedeu a seu pai como sumo sacerdote.

# LIBRO SEGUNDO DOS MACABEOS

## CARTAS AOS XUDEUS DE EXIPTO

### Primeira carta

**1** 1"Os irmáns xudeus de Xerusalén e de Xudá saúdan aos irmáns de Exipto e deséxanlles paz e prosperidade. 2Que Deus vos encha das súas bendicións e que se acorde da alianza que fixo con Abraham, Isaac e Xacob, fieis servos seus. 3Que vos dea a todos un bo corazón para adoralo e cumprir os seus mandamentos animosamente e de boa gana. 4Que abra o voso corazón á súa Lei e aos seus preceptos, e que vos conceda a paz. 5Que escoite as vosas oracións, se reconcilie convosco e non vos abandone nos momentos de desgraza. 6Velaquí a nosa oración por vós.

7Durante o reinado de Demetrio, no ano cento sesenta e nove, nós, os xudeus escribímosvos envoltos nas desgrazas e na persecución que estabamos sufrindo naqueles anos, cando Iasón e os seus partidarios traizoaron a causa da terra santa e do reino, 8incendiaron o pórtico do templo e verteron sangue inocente, nós acudimos ao Señor e El escoitounos. Ofrecémoslle un sacrificio e flor de fariña, acendemos as lámpadas e presentamos os pans. 9Polo tanto celebrade vós agora a festa das Cabanas do mes de *Kisleu*.

Ano cento oitenta e oito".

### Segunda carta

10"Os habitantes de Xerusalén e de Xudá, o senado e Xudas saúdan e desexan prosperidade a Aristóbulo, preceptor do rei Ptolomeo, da familia dos sacerdotes consagrados, e aos de Exipto.

11Dámoslle moitas grazas a Deus por ternos salvado de grandes perigos e por guiarnos na loita contra o rei, 12pois de certo foi El quen desfixo aos que fixeron a guerra contra a cidade santa. 13E así cando o seu xeneral, acompañado dun exército que parecía invencible, chegou a Persia, foi esnaquizado no templo de Nanea, grazas a unha trampa que lle armaron os sacerdotes de Nanea. 14Co motivo de casar coa deusa Nanea, Antíoco entrou no templo cos seus amigos para apoderarse das súas inmensas riquezas como dote. 15Cando os sacerdotes de Nanea lle trouxeron e mostraron o tesouro, el entrou no recinto do santuario cuns cantos compañeiros; despois de que entrou Antíoco, pecharon o santuario, 16e, abrindo unha trampa no teito, mataron a pedradas ao xeneral e aos seus acompañantes. Despois esnaquizáronos, cortáronlles a cabeza e botáronllela aos que estaban fóra. 17Sexa sempre bendito o noso Deus que acabou cos impíos!

18Como imos celebrar a purificación do templo no día vinte e cinco do mes de *Kisleu*, pareceunos cousa obrigada comunicárvolo para que tamén vós celebredes a festa das Cabanas e mais do lume que se atopou cando Nehemías ofreceu sacrificios despois de reconstruír o templo e mais o altar. 19Pois cando os nosos maiores foron deportados a Persia, os piadosos sacerdotes de entón colleron lume do altar e ás agachadas escondérono nunha cova que parecía un pozo seco; e tan ben o esconderon que ninguén deu co sitio.

**1**, 1 *Exipto*. Había xa de vello colonias xudías en Exipto. En Leontópolis construíra Onías IV, cara ao 170 a. C., un templo que modificaba na súa estrutura ao de Xerusalén. As cartas seguintes, das que a segunda non ten trazas de ser moi auténtica, son unha invitación concreta para celebrar a festa da Dedicación (cf 1 Mac **4**, 59), e a través diso unha chamada á unidade cultual arredor do templo de Xerusalén.

**1**, 7 Isto é, o 143 a. C. Demetrio era Demetrio II, rei a partir do ano 145 a. C.

**1**, 9 O ano 188 é o 124 a. C. 2 Mac réxese por un calendario diferente do de 1 Mac.

**1**, 10 *Aristóbulo*, un filósofo xudeu alexandrino que escribiu un comentario alegórico do Pentateuco.

**1**, 11 Refírese a Antíoco IV Epífanes, aínda que a morte que lle atribúe, moi metida na lenda, aconteceulle a seu pai Antíoco II o Grande. Este relato non cadra con 1 Mac **6**, 16, nin sequera con 2 Mac **9**, 1-29.

**1**, 19 Refírese á deportación a Babilonia do ano 587 a. de C.

[20]Moitos anos despois, cando Deus quixo, Nehemías, enviado polo rei de Persia, mandoulles buscar o lume aos fillos dos sacerdotes que o esconderan; pero, segundo dixeron eles, en vez de atopar lume o que atoparon foi un líquido moi mesto. Nehemías mandou que collesen dese líquido e que llo levasen. [21]Cando as vítimas estaban xa preparadas derriba do altar, Nehemías mandoulles aos sacerdotes que botasen daquel líquido pola leña e polo que había sobre ela. [22]Así o fixeron. E de alí a pouco saíu o sol que antes estaba encuberto polas nubes, e acendeuse unha labarada que deixou abraiado a todo o mundo. [23]Mentres se ía consumindo o sacrificio, os sacerdotes e todos os presentes rezaban, Ionatán principiaba e os demais respondían con Nehemías. [24]Esta era a oración:

Señor, Señor Deus, creador de todas as cousas, terrible e forte, xusto e agarimoso, único rei bondadoso, [25]único benfeitor e único xusto; todopoderoso e eterno, que salvas a Israel de todo mal, que escolliches e santificaches a nosos pais: [26]acolle este sacrificio por todo o teu pobo Israel, garda e santifica a túa herdanza, [27]xunta aos nosos emigrantes, dálles a liberdade aos que están vivindo coma escravos dos pagáns, protexe os desherdados e asoballados, para que recoñezan os pagáns que ti es o noso Deus. [28]Castiga os opresores que nos aldraxan cheos de soberbia. [29]Transplanta o teu pobo para o teu lugar santo, como dixo Moisés.

[30]Os sacerdotes cantaban himnos. [31]Cando xa se consumiu o sacrificio, Nehemías mandou botar o líquido que sobrara derriba doutras penas. [32]Así o fixeron, e acendeuse un lume; pero apagouse deseguida diante do resplandor da luz do altar.

[33]Cando isto se soubo, e lle dixeron ao rei de Persia que no sitio en que os sacerdotes deportados esconderan o lume aparecera un líquido co que os compañeiros de Nehemías prenderan lume ao sacrificio, [34]o rei, despois de comprobar o feito, mandou acoutar o sitio e declarouno sitio sagrado. [35]Aquel día foi día de festa, e o rei recibiu e deu moitos regalos. [36]Os compañeiros de Nehemías chamáronlle a aquel líquido *néftar*, que quere dicir purificación, pero moitos chámanlle nafta.

**2** [1]Dise nos documentos que o profeta Xeremías mandou aos deportados que collesen do lume devandito [2]e, ao entregarlles a Lei, recomendoulles que non esquecesen os mandatos do Señor, nin se deixasen levar polos ídolos de ouro e prata tan ben enfeitados. [3]E exhortounos con outros consellos semellantes para que non arredasen a Lei dos seus corazóns.

[4]Dise tamén neste escrito que o profeta, segundo unha revelación divina, mandou levar con el a tenda e mais a Arca cando foi cara ao monte a onde subira Moisés para ver a herdanza de Deus. [5]En chegando ao monte, Xeremías atopou unha cova, e meteu nela a tenda, a Arca e mais o altar do incenso, e pechou a entrada. [6]Algúns dos que o acompañaron foron alá despois para marcar o camiño, pero non puideron dar con el. [7]Cando o soubo Xeremías, berroulles e díxolles: "Este sitio vai permanecer descoñecido ata que Deus teña piedade e redima o seu pobo. [8]Entón mostrará o Señor outra vez eses obxectos, e aparecerá a gloria do Señor e a nube, como aparecera no tempo de Moisés e tamén cando Salomón pediu que o templo fose santificado solemnemente".

[9]Tamén se dicía no devandito documento que Salomón, home moi sabio, ofreceu o sacrificio do remate e da dedicación do templo. [10]O mesmo que Moisés rezou ao Señor e baixou lume do ceo que acabou coas vítimas, así tamén rezou Salomón e baixou lume do ceo que acabou co holocausto. [11]Moisés dixo: "Por non comeren a vítima ofrecida polo pecado, o lume acabou con ela". [12]Tamén Salomón celebrou a festa durante oito días.

[13]Tamén se contan estas cousas nos escritos e memorias de Nehemías, e que este montou unha biblioteca na que estaban os libros dos reis, os escritos dos profetas e de David, e as cartas dos reis sobre doazóns. [14]Tamén Xudas se fixo con todos os libros esparexidos por mor das guerras que tivemos que aguantar; agora están nas nosas mans, [15]así que, se tedes necesidade deles, mandade alguén que volos leve. [16]E como estamos xa para celebrar a festa da Purificación, mandámosvos esta carta, para que neses días tamén vós fagades festa.

**1**, 36 *Néftar* ou *Nafta*; probablemente o petróleo sen refinar. Todo este relato está colocado aquí coa soa finalidade de mostrar o vencello do templo actual co templo anterior ao exilio, e deste xeito dar razón ás pretensións centralistas do templo de Xerusalén.

**2**, 1 O recordo dos feitos de Xeremías historicamente inexactos e de Salomón teñen tamén máis intereses que recalcar a continuidade entre os templos pre e postexílico.

17Deus salvou a todo o seu pobo e deulles
a todos a herdanza, o reino, o sacerdocio e
o santuario, 18como o prometera na Lei; es-
peramos agora que teña axiña misericordia
de nós e que nos xunte no lugar santo desde
todas as nacións do mundo, pois El librounos
xa de grandes desgrazas e purificou o san-
tuario".

**Prólogo**

19A historia de Xudas o Macabeo e de seus
irmáns, a purificación do gran templo, a de-
dicación do altar, 20as guerras contra Antíoco
Epífanes e o seu fillo Eupátor, 21e as apari-
cións celestes en favor dos que loitaron xe-
nerosamente polo xudaísmo, para que, aínda
que eran poucos, puidesen reconquistar todo
o país e poñer en fuga a toda unha chea de
bárbaros, 22restaurar o templo tan soado en
todo o mundo, liberar a cidade, restablecer
as leis a piques xa de seren abolidas, grazas a
que o Señor se compadeceu deles con grande
misericordia, 23todas estas cousas foron escri-
tas por Iasón de Cirene en cinco libros, e nós
imos ver de resumilas nun só volume. 24En
efecto, considerando a chea de números que
hai e o traballoso que ten que resultar tan-
ta materia xunta para quen se interesa polos
feitos históricos, 25procuramos ofrecer entre-
temento espiritual aos amantes da lectura,
dar facilidades aos estudosos que aprenden
as cousas de memoria, e ser de utilidade a to-
dos cantos lean este libro. 26Para os que em-
prendemos o traballo de facer este resumo,
non foi cousa doada, ao contrario, custounos
moitas suores e vixilias. 27Quen prepara un
banquete co desexo de dar gusto aos outros,
emprende un traballo difícil; pois así nós,
para merecer a gratitude de moitos, soporta-
mos de boa gana este traballo. 28Deixando,
pois, ao historiador a tarefa de contar as cou-
sas con todo detalle, ímonos ater ás normas
dun resumo. 29Podémonos comparar –coido
eu– co arquitecto que levanta unha casa; el
ten que planear o conxunto da construción,
mentres que o decorador e o pintor soamente
se coidan da ornamentación. 30Ao historiador
pídeselle que pescude e indague os feitos con
todo detalle e detemento; 31pero a quen fai
un resumo permíteselle que sexa breve e non
se lle esixe que conte os feitos con todo de-
talle. 32Comecemos, entón, a narración, pois
abonda xa de prólogo, que é unha cousa sen
sentido alongar a introdución dunha historia
e logo ser breve contándoa.

**Historia de Heliodoro**

**3** 1Mentras na cidade santa se vivía en paz e
se observaban con moito coidadiño as
leis, grazas á piedade do sumo sacerdote
Onías e á súa severidade contra o mal, 2ata os
reis honraban o lugar santo e facíanlle ricos e
farturentos regalos. 3Así Seleuco, rei de Asia,
sacaba das súas rendas para cubrir os gastos
necesarios con que ofrecer sacrificios. 4Pero
un tal Simón, da familia de Bilgah, nomeado
inspector do templo, enfadouse co sumo sa-
cerdote por mor da fiscalización do mercado
da cidade. 5Simón, ao ver que non se podía
impoñer a Onías, foi ver a Apolonio, fillo de
Tarso, daquela gobernador da Celesiria, 6e
díxolle que o tesouro de Xerusalén estaba
cheíño de riquezas innumerables, que a suma
dos fondos era incalculable e que o rei se po-
dería apoderar deles pois sobraba moito dos
gastos necesarios para os sacrificios. 7Entón
Apolonio foi xunto ao rei e púxoo ao tanto
das riquezas denunciadas. O rei escolleu a
Heliodoro, ministro da Facenda, e mandou-
no coa orde de apoderarse das riquezas. 8He-
liodoro púxose en camiño decontado e facía
que ía visitando as cidades de Celesiria e de
Fenicia, pero o que de verdade intentaba era
cumprir as ordes do rei. 9Ao chegar a Xeru-
salén foi moi ben recibido polo sumo sacer-
dote da cidade; deulle conta a este do que lle
comunicaran e da razón da súa viaxe, e pre-
guntoulle se todos aqueles ditos eran certos.
10O sumo sacerdote explicoulle, en contra da
opinión do desleigado Simón, que se trata-
ba de fondos para as viúvas e os orfos, 11fóra
dunha cantidade que pertencía a Hircano,
fillo de Tobías, home de moi boa condición
social; que a suma de todo o que había era
de catrocentos talentos de prata e douscen-
tos de ouro, 12e que de ningunha maneira se
podía prexudicar aos que se fiaran da santi-
dade do lugar e da inviolabilidade do templo

**2**, 19 Aquí principia o prólogo do compilador de 2 Mac. Nel destacan os obxectivos que se propón: alixeirar os relatos, renunciando a moitos detalles e "ofrecer entretemento espiritual aos amantes da lectura" (v. 25).

**3**, 1 *Onías*: trátase de Onías III, de quen fará cumprida loanza 2 Mac **4**, 4-6; **15**, 12, como tamén Eclo **5**, 1ss. O seu irmán Iasón arrebatoulle o sumo sacerdocio no 173 a. C. (cf 2 Mac **4**, 7-17).

**3**, 3 *Seleuco* IV Filopátor que sucedeu a Antíoco III o Grande do 187 ao 175 a. C. Viuse urxido polo pago de grandes tributos aos romanos e por iso intenta apoderarse dos tesouros do templo.

**3**, 4 *Simón* era parente de Onías, pero apoiaba as boas relacións con Siria, mentres que este Onías, era partidario dos exipcios.

venerado en todo o mundo. [13]Pero Heliodoro contestoulle que, seguindo as ordes do rei, aquelas riquezas tiñan que pasar ao tesouro real. [14]Sinalou un día e dispúxose a entrar para facer un reconto do tesouro. Isto provocou unha grande inquedanza na cidade. [15]Os sacerdotes estaban botados polo chan diante do altar coas vestiduras sacerdotais, pedíndolle ao Deus do ceo, instaurador das leis dos depósitos, para que gardase intactos os cartos da xente que alí os deixara. [16]Non se podía ollar o rostro do sumo sacerdote sen que lle doera a un o corazón, ata tal punto a súa cara e cor cambiadas deixaban ver a angustia que levaba dentro; [17]o medo que o invadiu e o tremer do seu corpo daban fe a quen o ollase da fonda mágoa do seu corazón. [18]A xente saía en riolas das súas casas para participar nas rogativas públicas en favor do lugar santo a piques de ser aldraxado. [19]As mulleres, cinguindo o peito con sacos, enchían as rúas; as mozas, que estaban recollidas nas casas, unhas corrían cara ás portas da cidade, outras cara ás murallas e outras debruzábanse nas fiestras; [20]todos rezaban erguendo as mans cara ao ceo. [21]Daba pena ver toda aquela chea de xente angustiada botándose por terra, e a ansiedade do sumo sacerdote cheo de aprehensión.

[22]Mentres todos lle pedían ao Señor todopoderoso que gardase intactos os cartos da xente que alí os metera, [23]Heliodoro comezou a levar a cabo o seu plan. [24]Estaba xa coa súa escolta ao pé do tesouro, cando o Soberano dos espíritos e de todo poder se manifestou de forma extraordinaria, de xeito que todos os que se atreveron a entrar quedaron sen forzas e atordados, feridos polo poder de Deus. [25]Aparecéuselles un cabalo enfeitado con moita riqueza e montado por un cabaleiro terrible; nunha arrincada violenta botouse contra Heliodoro coas patas dianteiras; o cabaleiro levaba posta unha armadura de ouro. [26]Aparecéronselles tamén dous mozos fortes e varudos, vestidos magnificamente, que se colocaron un a cada lado de Heliodoro, e azoutándoo déronlle unha malleira grandísima. [27]De súpeto Heliodoro caeu no chan envolto nunha negrura pecha, e tivéronno que recoller e colocárono nunha liteira. [28]Así quen había pouco entrara no tesouro con grande acompañamento e cunha forte escolta, saía agora levado por outros sen se poder valer, e cunha boa experiencia da soberanía de Deus. [29]Mentres el, ferido pola forza de Deus, estaba alí deitado, mudo e sen moita esperanza de salvación, [30]os xudeus loaban ao Señor porque manifestara a súa gloria no lugar santo, e o templo, pouco antes cheo de medo e de inquedanza, reloucaba agora de alegría e xúbilo pola aparición do Señor todopoderoso.

[31]Algúns dos compañeiros de Heliodoro foron deseguida pedirlle a Onías que invocase ao Altísimo para que lle dese a vida a aquel que estaba a morrer. [32]O sumo sacerdote, temendo que o rei puidese sospeitar que os xudeus atentaran contra Heliodoro, ofreceu un sacrificio pola súa cura. [33]No momento en que o sumo sacerdote ofrecía o sacrificio de expiación, aparecéronselle outra vez a Heliodoro os mesmos mozos, coa mesma vestimenta, e dixéronlle: –Xa lle podes dar grazas ao sumo sacerdote Onías, pois por el concédeche o Señor a vida. [34]E xa que fuches castigado por Deus, anuncia a todo o mundo o seu grande poder.

En dicindo isto, desapareceron. [35]Heliodoro, despois de ofrecer un sacrificio ao Señor e de facer grandes promesas a quen lle outorgara a vida, despediuse de Onías e volveuse coas súas tropas para onda o rei, [36]e daba fe diante de todos dos milagres do Deus Altísimo que vira cos seus mesmos ollos. [37]E cando lle preguntou o rei quen sería o máis apropiado para mandalo a Xerusalén, contestoulle: [38] –Se tes algún inimigo ou alguén que conspire contra o teu reino, mándao alá, e ti has ver como volve ben castigado; iso se é que volve con vida, porque naquel sitio ten que haber unha forza divina. [39]O que habita no ceo pousa os ollos naquel lugar para gardalo, e castiga coa morte aos que alí se achegan para facer mal.

[40]Esta foi a historia de Heliodoro e da conservación do tesouro.

### Persecución de Antíoco Epífanes. Onías, Iasón e Antíoco Epífanes

**4** [1]O devandito Simón, o que denunciara o tesouro e traizoara a patria, falaba mal de Onías, dicindo que fora el quen maltratara a Heliodoro e quen lle fixera mal. [2]Tiña o atrevemento de chamar inimigo do pobo ao benfeitor da cidade, ao defensor dos seus veciños, e ao afervoado partidario das leis. [3]E chegou a tanto a xenreira que algúns dos de Simón ata cometeron asasinatos. [4]Onías decatouse do

**3**, 39 Esta frase recolle perfectamente a conclusión á que se quere chegar co relato de Heliodoro.

risco que corrían con aquelas rivalidades e de que Apolonio, fillo de Menesteo, gobernador de Celesiria e de Fenicia, encirraba a ruindade de Simón. [5]Foi falar co rei, non para acusar aos seus veciños, senón coa boa intención de favorecer o interese de todos e cada un, [6]pois dábase conta de que sen a intervención do rei sería imposible ter paz no país e que Simón parase de facer toladas.

[7]Cando morreu Seleuco, sucedeuno Antíoco, o chamado Epífanes; Iasón, o irmán de Onías, teimaba en acadar o sumo sacerdocio valéndose de artimañas. [8]Así nunha audiencia prometeulle ao rei trescentos sesenta talentos de prata e oitenta doutras rendas; [9]e a maiores diso prometía poñer cento cincuenta talentos se lle daba autorización para construír un ximnasio e un club para os mozos, e para que os habitantes de Xerusalén gozasen de cidadanía antioquena. [10]Ao rei pareceulle ben, e Iasón tomou o mando, e o primeiriño que fixo foi introducir no pobo os xeitos de vida dos gregos; [11]suprimiu os privilexios que os reis tiveran a ben conceder aos xudeus grazas a Xoán, pai de Eupólemo, que fora de embaixador a Roma para facer o tratado de amizade e alianza, e suprimiu tamén as institucións legais para introducir costumes alleos á Lei; [12]e ata chegou a construír un ximnasio debaixo mesmo da cidadela e xuntou alí aos mozos máis distinguidos. [13]A tanto chegaron os costumes dos gregos e tanto se espallou a moda estranxeira, por culpa de Iasón, que máis ca sumo sacerdote era un desleigado, [14]que os sacerdotes xa non se preocupaban dos servizos do culto; todo o contrario, desprezaban o templo e desinteresábanse dos sacrificios e bulían axiña para participar nos xogos prohibidos da palestra e nas competicións de lanzamento de disco. [15]Non tiñan ningunha estima polos propios valores, e coidaban que as glorias gregas eran o melloriño. [16]Pero por isto mesmo sufriron unha gran desgraza: aqueles a quen se querían asemellar en todo seguindo os seus costumes, aqueles mesmos convertéronse nos seus inimigos e verdugos. [17]Évos cousa moi seria violar polas boas as leis divinas, como se pode ver nos feitos que imos contar.

[18]Cando se celebraron en Tiro os xogos quinquenais na presenza do rei, [19]o desleigado Iasón mandou uns legados antioquenos en representación de Xerusalén, con trescentos dracmas de prata para o sacrificio de Hércules. Pero os que os levaban chegaron ao acordo de que era mellor deixar eses cartos para outros gastos antes que empregalos nun sacrificio que non viña ao caso. [20]E así foi como aquel diñeiro, que o doante entregara para o sacrificio de Hércules, foi destinado a construír trirremes por decisión dos que o levaban. [21]Apolonio, o de Menesteo, foi mandado a Exipto para asistir á coroación do rei Filométor; daquela Antíoco informouse de que este rei non estaba de acordo coa súa política, e deu en tomar medidas de seguridade, e por esta razón pasou por Iafa e chegou ata Xerusalén. [22]Iasón e a cidade enteira recibírono por todo o alto con fachos e moitas aclamacións. Despois seguiu coas súas tropas cara a Fenicia.

### Menelao, sumo sacerdote

[23]De alí a tres anos, Iasón mandou onda o rei a Menelao, o irmán do devandito Simón, para que lle levase os cartos e tratase con el algúns asuntos de urxencia. [24]Pero Menelao, apoiado por boas recomendacións, deulle honores ao rei e fíxose pasar por todo un personaxe, e acadou para si mesmo o sumo sacerdocio, ofrecendo trescentos talentos de prata máis ca Iasón. [25]E volveuse co nomeamento real, sen outros méritos para ser sumo sacerdote ca o asañamento dun opresor cruel e a xenreira dun animal adoecido. [26]E así Iasón, que suplantara ao seu mesmo irmán, foi suplantado por outro, e tivo que fuxir para a terra dos amonitas. [27]Pero Menelao, unha vez que tomou posesión do seu cargo, xa non se preocupou de pagar os cartos que lle prometera ao rei, [28]e iso que llos reclamaba Sóstrates, o prefecto da cidadela, que levaba o asunto dos impostos. Así que o rei chamounos aos dous. [29]Menelao deixou como suplente no cargo de sumo sacerdote a seu irmán Lisímaco, e Sóstrates deixou a Crates, o xefe dos chipriotas.

**4**, 7 *Antíoco* (175-164 a. C.) era Antíoco IV, irmán do finado Seleuco. Iasón era tamén irmán de Onías III, pero partidario da helenización, como o demostra simbolicamente o feito de cambiar o seu nome hebreo Xosué polo helenizado Iasón.

**4**, 9 Tanto o *ximnasio* coma o *club para mozos* (efebía) eran pasos importantes no camiño da helenización.

**4**, 15 No fondo dos problemas estaba unha auténtica crise cultural que se deu naquel tempo en Palestina. Como sempre pasa nestes casos, póñense en xogo dunha maneira moi complexa moitos valores e contravalores.

**4**, 21 *Filométor* é Ptolomeo VI, oposto ao rei Antíoco pola súa pretensión de recobrar para Exipto toda a Celesiria.

**4**, 23 *Menelao*, foi sumo sacerdote desde o 172 ao 162 a. C.

[30]Mentres, os habitantes de Tarso e de Malos sublevároronse porque as súas cidades foran dadas como dote a Antioquida, unha concubina do rei. [31]O rei foi alá deseguida para poñer as cousas en orde, e deixou encargado do goberno a Andrónico, un dos seus dignitarios. [32]Menelao coidou que aquela era unha boa oportunidade e roubou algúns obxectos de ouro do templo; deles deulle algúns a Andrónico e outros vendeunos en Tiro e nas cidades de arredor. [33]Cando tivo noticias certas do caso, Onías, que se gardara nun sitio sagrado, en Dafne, cerca de Antioquía, reprendeuno. [34]Entón Menelao, foi falar a soas con Andrónico e pediulle que matase a Onías. Daquela Andrónico foi ver a Onías; e con moitos enganos deulle a man e fixo xuramento, e convenceu a Onías, que non se acababa de fiar de todo, para que saíse fóra do sitio sagrado; pero, así que saíu, matouno sen respectar ningún dereito. [35]Por esta razón tanto os xudeus coma outra xente doutros pobos enchéronse de indignación e non podían aturar aquela morte inxusta. [36]Cando volveu o rei de Cilicia foron onda el os xudeus da cidade e os gregos que reprobaban aquela morte, e contáronlle o asasinato inxustificado de Onías. [37]Antíoco, fondamente entristecido e cheo de compaixón, chorou polo defunto lembrando a súa prudencia e a súa rectitude; [38]tanta carraxe lle deu que decontado foi e arrincoulle a Andrónico a púrpura e rachoulle os vestidos; despois mandou que o paseasen por toda a cidade ata o sitio onde matara a Onías; e alí acabou co asasino. Deste xeito recibiu do Señor o castigo merecido.

[39]Lisímaco fixera moitos roubos sacrílegos en Xerusalén co consentimento de Menelao; xa desapareceran moitos obxectos de ouro cando se aireou o asunto; daquela o pobo sublevouse contra Lisímaco. [40]Lisímaco decatouse de que o pobo andaba alporizado e cheo de carraxe, así que armou a uns tres mil homes e fíxoo reprimir con violencia; o xefe de operacións era un tal Aurano, home xa de bastantes anos e de maior tolería. [41]Ao ver o ataque de Lisímaco, uns con pedras, outros con estacas e algúns collendo presas de cinsa que alí había, a xente atacou aos de Lisímaco. [42]Feriron a moitos, mataron a algúns, e a todos os demais os fixeron fuxir, e ao sacrílego matárono ao pé do tesouro. [43]Por estes incidentes Menelao foi procesado, [44]e cando o rei chegou a Tiro, tres homes enviados polo Senado presentáronlle o caso. [45]Véndose xa perdido, Menelao prometeulle unha boa manchea de cartos a Ptolomeo, o de Dorimeno, se convencía ao rei; [46]e así foi, Ptolomeo invitou ao rei a dar unha voltiña por un pórtico coma se fosen tomar o fresco, e fíxoo cambiar de parecer. [47]Absolveu de todas as acusacións ao que era culpable de todo, e, en cambio, condenou a morte a uns coitados que serían declarados inocentes aínda que fosen xulgados nun tribunal bárbaro. [48]Os que defenderan a cidade, o pobo e os vasos sagrados, sufriron decontado un castigo inxusto. [49]Por esa razón, os de Tiro, en sinal de desacordo co crime cometido, pagaron os gastos do funeral. [50]E Menelao, grazas á avaricia dos caciques, seguiu no poder; a súa ruindade ía a máis cada día e converteuse nun asañado perseguidor dos seus concidadáns.

### Antíoco toma Xerusalén e profana o templo

**5** [1]Por aquel tempo Antíoco preparou unha segunda expedición a Exipto. [2]E sucedeu que durante uns corenta días se vían por toda a cidade cabalarías a galope polo aire, con vestidos de ouro, escuadróns armados con lanzas, [3]batallóns de cabalaría en formación, refregas e cargas polas dúas partes, escudos en movemento, moreas de lanzas, disparos de frechas, resplandor de armaduras douradas e coirazas de todos os tipos. [4]Todos pedían que aquela visión fose un bo agoiro.

[5]Espallouse entón a falsa nova de que morrera Antíoco, e Iasón, á fronte de mil homes polo menos, atacou de súpeto a cidade. Os que defendían as murallas foron rexeitados, a cidade á fin foi tomada e Menelao refuxiouse na cidadela. [6]Daquela Iasón matou sen piedade a moitos dos seus concidadáns, sen decatarse de que unha vitoria sobre os seus mesmos irmáns era a meirande derrota; parecíalle que triunfaba sobre os seus inimigos e non sobre os seus irmáns. [7]Con todo, non chegou a coller o poder, e, por fin, aldraxado pola súa mesma traizón, tivo que se volver outra vez para a terra dos amonitas. [8]E así foi como acabou este home ruín: levado á cadea por Aretas, rei dos árabes, fuxindo dunha cidade para outra, perseguido por todos, aborrecido como apóstata das leis, odiado como verdugo da patria e dos seus concidadáns, foi exiliado a Exipto. [9]E así o que a tantos com-

**5**, 1 Parece máis aceptable a relación de feitos presentada por 1 Mac **1**, 16-19; seguíndoa vese que a profanación do templo deuse despois da primeira expedición a Exipto.
**5**, 8 O autor comprácese en narrar o final desgraciado dos que se opuxeron á Lei, ao templo e aos costumes dos maiores (cf **4**, 38; **4**, 42; **9**, 5ss; **15**, 30ss). Tales narracións encaixan doadamente dentro dos seus esquemas ideolóxicos e da súa mentalidade relixiosa.

patriotas seus desterrara, foi morrer en terra allea, cando fuxía cara a Esparta, onde contaba atopar refuxio por razóns de parentela. [10]Ninguén chorou ao que a tantos deixara sen sartego; nin lle fixeron funerais de ningunha clase, nin puido ser enterrado no sartego de seus pais.

[11]Cando Antíoco soubo o que pasara, pensou que Xudá quería sublevarse. Por iso volveu de Exipto furioso coma un can danado, e tomou a cidade polas armas. [12]Mandoulles aos soldados que degolasen sen piedade a cantos atopasen e que matasen aos que se gardaban nas casas. [13]Aquilo foi unha matanza de mozos e vellos, un exterminio de homes, mulleres e nenos, un linchamento de mozos e picariños. [14]Naqueles días desapareceron oitenta mil: corenta mil mortos e outros corenta mil vendidos como escravos. [15]E non satisfeito con isto, tivo o atrevemento de entrar no templo máis santo do mundo enteiro, guiado por Menelao, convertido nun traidor das leis e da patria. [16]E colleu coas súas mans lixadas os vasos sagrados, e coas súas mans sacrílegas repañou tamén as ofrendas que fixeran outros reis para enriquecemento, gloria e honra do lugar santo. [17]Antíoco, todo fachendoso, non se decataba de que o Señor estaba alporizado por pouco tempo polos pecados dos habitantes da cidade, e de aí viña o seu desinterese polo lugar santo; [18]certamente, se o pobo non estivese tan cheíño de pecados, Antíoco sería castigado con só dar o primeiro paso, e tería que renunciar ao seu atrevemento, como lle pasara a Heliodoro, cando fora mandado por Seleuco para inspeccionar o tesouro. [19]Pero o Señor non escollera o pobo para o templo, senón o templo para o pobo; [20]e por iso o mesmo lugar santo que participara nas desgrazas do pobo, participou despois tamén no seu esplendor; e o templo, esquecido mentres durou a carraxe do Todopoderoso, foi refeito con todo esplendor ao reconciliárense co Señor Altísimo.

[21]Antíoco colleu uns mil oitocentos talentos de prata do templo, e marchou axiña para Antioquía, coidando –tanta era a súa fachenda!–, que podería navegar pola terra e andar de pé polo mar. [22]Deixou uns gobernadores que maltrataron ao pobo: en Xerusalén, a Filipo, natural de Frixia, home máis cruel aínda ca quen o mandou; [23]en Garizim, a Andrónico, e xa para rematala, a Menelao, o peoriño de todos pola ruindade con que tratou aos seus concidadáns e polo odio que lles tiña aos xudeus. [24]Amais diso, Antíoco mandou a Apolonio, xefe dos mercenarios de Misia, cun exército de vinte e dous mil soldados coa orde de matar a todos os homes e vender as mulleres e os nenos. [25]Chegou a Xerusalén con aparencia de paz, e agardou a que chegase o día santo do sábado; entón, aproveitando o descanso do sábado, mandou que as súas tropas desfilasen, [26]e matou a coiteladas a todos os que saíron ver o desfile; despois percorreu toda a cidade e asasinou a moitísima xente.

[27]Mentres, Xudas o Macabeo retirouse ao deserto con nove homes máis, e vivía con eles polos montes, coma se fosen feras, e comían herbas para non contaminarse.

### As leis da persecución relixiosa

**6** [1]De alí a pouco tempo, o rei mandou un senador ateniense para que obrigase aos xudeus a abandonar os costumes dos seus maiores, e a non gobernarse pola Lei de Deus, [2]coa orde de que profanase o templo de Xerusalén e de que o dedicase a Zeus Olímpico, e o de Garizim, a Zeus Hospitaleiro, como llo pediran os habitantes do lugar. [3]O progreso do mal foi terrible e ninguén o podía aturar, [4]pois encheron o templo de libertinaxe e de orxías dos pagáns, que andaban de rexouba coas prostitutas e deitábanse con mulleres nos adros sagrados, e enchíano todo de carnes prohibidas. [5]O altar estaba cheo de vítimas noxentas, prohibidas pola Lei. [6]Non se podían celebrar os sábados, nin gardar as festas tradicionais, nin tan sequera declarar que un era xudeu. [7]Pola forza e contra a súa vontade tiñan que tomar parte no sacrificio que se ofrecía todos os meses no día en que o rei nacera; e cando se celebraban as festas de Dioniso, facíanos participar na procesión dedicada a este deus, coroados con hedras. [8]Por insinuación de Ptolomeo, publicouse un decreto nas cidades gregas veciñas para que fixesen outro tanto cos xudeus, obrigándoos a tomar parte nos sacrificios [9]e condenando a morte aos que non quixesen aceptar os costumes gregos. Estábanse vendo xa os males que ían vir. [10]Dúas mulleres foron denunciadas por circuncidar os seus fillos. Paseáronas

**5**, 17 Do v. 17 ao 20 dáse unha lectura teolóxica da profanación do templo, feito difícil de explicar dentro da mentalidade do autor, se non é apelando aos pecados do pobo como razón de castigo. Chama a atención a frase do v. 19 que zumega Evanxeo.

**6**, 7 O deus grego *Dionisos* é o mesmo ca o Baco dos romanos: o deus do viño.

publicamente pola cidade cos filliños pendurados dos peitos e despois guindáronas da muralla embaixo. [11]A outros, que se xuntaran nunha cova dos arredores para celebrar o sábado ás agachadas, tamén os denunciaron a Filipo, e queimounos a todos, e nin sequera pensaron en defenderse por respecto relixioso á santidade do sábado. [12]Pídolles, por favor, a todos aqueles que teñan este libro nas súas mans que non se escandalicen por estes sucesos; pensen que aqueles sufrimentos non tiñan por finalidade acabar co noso pobo, senón corrixilo. [13]Certamente, é un grande beneficio non deixar sen castigo por moito tempo aos que pecan, antes ben corrixilos deseguida que o fan; [14]mentres que o Señor agarda con paciencia que os outros pobos enchan a medida dos seus pecados para castigalos, connosco decidiu facer doutro xeito, [15]e non agarda a que cheguemos aos lindeiros do mal para castigarnos. [16]Xamais non arreda de nós a súa misericordia; non abandona ao seu pobo, nin sequera cando o corrixe coa desgraza. [17]Cómpre que non esquezamos esta advertencia. E volvamos xa á nosa historia.

### Martirio de Elazar

[18]A Elazar, un dos principais letrados, home entrado en anos e de aspecto venerable, abríronlle a boca á forza para que comese carne de porco. [19]Pero el preferiu morrer con gloria a vivir con vergonza, foi voluntariamente ao suplicio [20]cuspindo na carne, como deben facer os que teñen valor para non comer o que non está permitido, aínda que lles custe a vida. [21]Os que presidían aquel sacrificio ilegal, de vello amigos deste bo home, levárono á parte e pedíronlle que trouxese carne permitida preparada por el mesmo, e que fixese como que comía a carne do sacrificio mandado polo rei. [22]Deste xeito poderíase librar da morte. Facíanlle isto pola amizade que lle tiñan. [23]Pero el tomou unha dignísima determinación, como lle acaía á súa idade, á súa venerable ancianidade, ás súas canas ben honradas, á súa conduta inmellorable xa desde neno, e maiormente como lle acaía á lei santa establecida por Deus; respondeu en consecuencia que o enviasen ao reino dos mortos. E díxolles: [24]–Acabade axiña comigo! Pois non lle acae a un home da miña idade ese engano; ademais moitos mozos van pensar que Elazar, aos noventa anos, se pasou ao paganismo, [25]e a miña simulación polo apego á pouca vida que me queda vainos desnortar. Iso sería unha vergonza e unha aldraxe para a miña vellez; [26]e aínda que polo de agora puidese escapar das mans dos homes, nin vivo nin morto me libraría das mans do Todopoderoso. [27]Así que renuncio á vida e morro coma un valente para ser digno da miña vellez [28]e deixar aos novos un nobre exemplo de como se debe morrer con valentía e xenerosidade pola nosa lei santa e venerable.

Cando acabou de falar, foi cara ao suplicio. [29]Os que o levaban, ao escoitar este razoamento, cambiaron en xenreira o trato humano que lle deran, pois pensaban que eran verdadeiras toleadas. [30]Cando xa estaba para morrer de tantos golpes que lle daban, dixo entre salaios: –Ben sabe o Señor coñecedor de todo, que podéndome eu librar da morte sufro no meu corpo as atroces dores da flaxelación; pero aturo con gusto todo isto na miña alma polo temor que lle teño.

[31]E así morreu Elazar, deixando coa súa morte non soamente aos mozos senón tamén a todo o seu pobo unha exemplar lembranza de afouteza e de virtude.

### Martirio dos sete irmáns con súa nai

**7** [1]Daquela meteron na cadea a sete irmáns e a súa nai, e o rei mandou que os azoutasen con trallas e vergas para facer que comesen carne de porco, cousa prohibida pola Lei. [2]Un deles falou deste xeito no nome de todos: –Que é o que queres conseguir de nós? Estamos dispostos a morrer antes que quebrantar as leis dos nosos maiores.

[3]Entón o rei, todo enrabiado, mandou poñer no lume as tixolas e as potas. Cando deron en ferver, [4]o rei mandou que lle cortasen a lingua ao que falara no nome dos demais, que lle arrincasen o coiro cabeludo e que lle cortasen as extremidades á vista dos outros irmáns e mais da nai. [5]Cando o rapaz estaba fanadiño de todo, o rei mandou que lle puxesen lume e que o frixisen; aínda acoraba o rapaz. Mentres o cheiro da tixola se espallaba

**6**, 12 Nestes vv. (12-16), o compilador volve introducir unha reflexión teolóxica na liña de **5**, 17ss.

**6**, 18 A pasaxe que segue é o primeiro relato de martirio do libro. A súa intención é, por riba de todo, edificar, servindo de exemplo.

**7**, 1 Este relato de martirio ten a mesma intencionalidade ca o anterior de Elazar. Chama a atención a nova e repetida referencia á resurrección dos mortos (vv. 9, 11, 14, 23, 29, 36), que, de acordo coa antropoloxía unitaria hebrea, é unha resurrección tamén corporal. Soamente en Dn **12**, 2-3, texto contemporáneo, se fala con semellante claridade desta crenza. Deus, como creador, repetidamente traído aos razoamentos, é a garantía da vida vindeira.

todo arredor, os outros dábanse azos coa nai
para morrer con dignidade e dicían: [6] –O Se-
ñor Deus estanos ollando e xa veredes como
se compadece de nós, segundo o que Moi-
sés dixo na cántiga de protesta contra Israel:
*Hase compadecer dos seus servos*.
[7]Cando morreu deste xeito o primeiro, le-
varon ao segundo ao suplicio; arrincáronlle
o coiro cabeludo e preguntáronlle se quería
comer antes que o torturasen membro por
membro. [8]El respondeu na súa fala: –Non!
Por iso sufriu tamén o mesmo martirio ca o
primeiro. [9]E cando xa estaba nas últimas, dixo:
–Ti, criminal, quítasnos a vida presente, pero o
rei do universo hanos resucitar para unha vida
eterna a cantos morremos pola súa Lei.
[10]Despois deron en meterse co terceiro.
Mandáronlle botar fóra a lingua e fíxoo de-
contado; estendeu as mans todo decidido [11]e
dixo con valentía: –De Deus recibín estes
membros, e pola súa Lei os entrego; espero
recibilos del novamente.
[12]O rei e os que estaban xunto del quedaron
abraiados polo valor do rapaz, que non tiña
medo aos tormentos. [13]Cando este morreu,
torturaron de xeito semellante ao cuarto; [14]e
cando estaba xa para morrer, dixo: –Paga a
pena que os homes maten a un, cando se es-
pera que Deus nos vai resucitar. Pero ti non
has resucitar para a vida.
[15]Deseguida trouxeron ao quinto e ator-
mentárono. [16]Este, mirando para o rei, díxo-
lle: –Ti, aínda que es un mortal, fas o que
queres porque tes poder sobre os homes; pero
non vaias pensar que Deus esqueceu ao noso
pobo. [17]Agarda unha miguiña e xa verás o
seu poder, pois que te ha castigar a ti e aos
teus descendentes.
[18]Despois colleron ao sexto, e, estando xa
a piques de morrer, dixo: –Non te enganes
coma un parvo; nós padecemos isto porque
pecamos contra o noso Deus: por iso pasan
estas cousas abraiantes. [19]Pero non vaias pen-
sar que has quedar sen castigo, ti, que ousa-
ches loitar contra Deus.
[20]Pero o caso máis admirable e digno de
lembranza foi o da nai. Nun só día viu morrer
aos sete fillos seus, e sufriuno toda valente,
poñendo a esperanza no Señor; [21]chea de no-
bres sentimentos íalles dando azos a cada un
deles na súa propia fala, e con forza de home
e tenrura de muller [22]dicíalles: –Eu non sei
como aparecestes no meu seo, pois eu non
vos dei nin o alento nin a vida, nin artellei os
vosos membros. [23]Foi o creador do mundo,
o modelador do home e o principio de todas
as cousas. El havos devolver misericordiosa-
mente o alento e a vida a vós que agora vos
sacrificades pola súa Lei.
[24]Antíoco coidaba que a muller o estaba
desprezando e que aquelas palabras eran al-
draxes; con todo aínda intentou convencer o
máis pequeno, que era o que quedaba, pro-
meténdolle, con xuramento e todo, que, se
abandonaba as súas tradicións, o había facer
rico e feliz, que sería o seu amigo, e que lle
daría un bo cargo. [25]Vendo que o picariño
non lle facía caso ningún, o rei chamou á nai
e pediulle que aconsellase ao fillo para pro-
veito del. [26]Tanto teimou o rei que á fin a nai
aceptou convencer o seu fillo. [27]Inclinouse
cara ao rapaz e, moqueándose do cruel tira-
no, díxolle na súa fala: –Meu filliño, ten pie-
dade de min que te levei nove meses no meu
seo, que che dei de mamar tres anos, que che
dei mantenza e crianza ata hoxe. [28]Pídoche,
filliño, que mires para o ceo e para a terra;
olla canto hai neles, e recoñece que Deus fixo
todo isto da nada, e esa é tamén a orixe do
home. [29]Non lle teñas medo a ese verdugo;
ponte á altura de teus irmáns e acolle a mor-
te, para que no día da misericordia te atope a
carón deles.
[30]Aínda estaba a nai falando e dixo o ra-
paz: –Que agardas, ho? Eu non acepto o
decreto do rei, soamente obedezo os man-
damentos da Lei dada por Deus aos nosos
maiores por medio de Moisés. [31]Ti, que tanto
mal nos estás facendo aos hebreos, non te
has librar das mans de Deus. [32]Certo, nós su-
frimos polos nosos pecados, [33] e se o Deus
vivo está irritado contra nós por certo tempo
para castigarnos e corrixirnos, xa se recon-
ciliará outra vez cos seus servos. [34]Pero ti,
home malvado e criminal sen comparanza,
non te ensoberbezas coma un parvo confian-
do en esperanzas baleiras, ao tempo que te
alporizas contra os servos de Deus, [35]porque
aínda non escapaches do xuízo de Deus To-
dopoderoso, a quen nada se lle pasa. [36]Meus
irmáns, despois de sufriren agora un pouquiño, xa gozan da promesa divina dunha vida
eterna; pero ti no xuízo de Deus has recibir
os castigos que merece o teu orgullo. [37]Eu,
coma meus irmáns, entrego o meu corpo e a
miña vida polas leis de meus pais, e pídolle a
Deus que teña misericordia do seu pobo, que
ti mesmo entre castigos e tormentos confeses
que soamente El é Deus [38]e que a xenreira do
Todopoderoso, que tan xustamente se desen-
cadeou contra o meu pobo, se deteña en min
e en meus irmáns.
[39]Entón o rei, todo enrabiado e ferido pola
retranca do rapaz, asañouse nel con máis

crueldade aínda ca nos outros. [40]E así morreu o picariño, sen lixo ningún e con toda a confianza posta no Señor. [41]A derradeira morreu tamén a nai, despois de seus fillos. [42]E co que contei hai abondo xa sobre os sacrificios e a cruel represión do rei.

### Primeiras vitorias de Xudas o Macabeo

**8** [1]Entre tanto, Xudas o Macabeo e os seus compañeiros, entrando ás agachadas nas aldeas, falábanlles aos seus parentes e aos que permaneceran fieis ao xudaísmo, e xuntaron arredor de seis mil homes. [2]Pedíanlle ao Señor que puxese os seus ollos no seu pobo asoballado por todos e que se compadecese do templo profanado por homes malvados; [3]que tivese piedade da cidade arrasada e xa a piques de ser achanzada de todo, que escoitase o berro do sangue que pedía vinganza, [4]que se lembrase da inxusta matanza de picariños inocentes e dos xuramentos ditos contra o seu Nome e que dese a ver a súa ira contra o mal. [5]Cando o Macabeo se viu cun exército organizado, os inimigos non o puideron vencer, porque cambiárase en misericordia o enfado do Señor. [6]Chegaba de súpeto ás cidades e aldeas e púñalles lume; ocupaba as mellores posicións e facía fuxir a moitos inimigos; [7]aproveitaba a complicidade da noite para estes ataques. Por todas partes chegou a ser moi sonada a súa valentía.

[8]Filipo decatouse de que este home ía a máis cada día e de que medraban as súas vitorias; entón escribiulle a Ptolomeo, gobernador da Celesiria e da Fenicia, para que defendese os intereses do rei. [9]Ptolomeo escolleu decontado a Nicanor, o de Patroclo, un dos máis achegados ao rei, e mandouno á fronte de máis de vinte mil homes de todas as razas para acabar dunha vez con todo o pobo xudeu; e tamén se lle engadiu Gorxias, un xeneral con moita experiencia de guerra. [10]Coa venda dos escravos xudeus Nicanor contaba facer dous mil talentos de prata para pagar os tributos que o rei lles debía aos romanos. [11]Mandou deseguida aviso ás cidades costeiras para que viñesen mercar escravos xudeus, prometendo dar noventa escravos por un talento de prata. Non sospeitaba o castigo do Todopoderoso que xa lle viña enriba. [12]Cando Xudas soubo que Nicanor estaba en camiño, deu coñecemento á súa xente da proximidade do inimigo. [13]Os covardes e os que non confiaban na xustiza divina fuxiron e fóronse meter noutros sitios; [14]pero os outros vendían canto tiñan e pedíanlle ao Señor que os librase do malvado Nicanor que xa os tiña vendidos antes da batalla; [15]senón por eles, ao menos pola promesa feita aos seus maiores e polo nome venerable e magnífico con que o invocaban.

[16]O Macabeo xuntou aos seus homes, arredor duns seis mil, e animounos a que non lle tivesen medo ao inimigo, nin se preocupasen por aquela chea de xente que os atacaba inxustamente; ao contrario, que loitasen con valentía [17]tendo en conta a aldraxe que lle fixeron ao lugar santo, o asoballamento inxurioso da cidade e a supresión das súas institucións. [18]E díxolles: –Se eles confían nas súas armas e na súa ousadía, nós confiamos no Deus Todopoderoso, que cun só aceno pode esnaquizar a cantos nos atacan e ata o mundo enteiro.

[19]Lembroulles as intervencións de Deus en favor dos seus maiores, aquela no tempo de Senaquerib, cando morreron cento oitenta e cinco mil homes; [20]e aqueloutra da batalla contra os gálatas de Babilonia, cando estaban para combater oito mil xudeus axudados por catro mil macedonios, e aínda que nos macedonios case se deu a desfeita, os oito mil xudeus derrotaron a cento vinte mil inimigos, grazas á axuda que lles veu do ceo, e conseguiron moito botín. [21]E deste xeito deulle tantos azos que xa estaban dispostos a morrer pola patria e pola Lei.

Xudas dividiu o exército en catro corpos, [22]e á fronte de cada un deles puxo a un irmán seu, Simón, Xosefo e Ionatán, con mil cincocentos homes cada un. [23]E mandoulle a Elazar que lese o libro sagrado. Deulles como contrasinal "Deus axuda", púxose á fronte do primeiro corpo e arremeteu contra Nicanor. [24]Coa axuda do Todopoderoso mataron a máis de nove mil inimigos, feriron e esnaquizaron a maioría do exército de Nicanor e aos outros obrigáronos a fuxir. [25]Colleron os cartos dos que viñeran para mercalos a eles, e logo perseguíronos moito tempo, pero, como xa era tarde, recuaron, [26]pois o día seguinte era sábado, e por iso non seguiron máis lonxe. [27]Recolleron as armas e o botín dos inimigos e celebraron o sábado loando e bendicindo ao Señor porque coa salvación daquel día lles mostrara os primeiros gromos da súa misericordia. [28]Cando pasou o sábado repartiron os espolios entre os damnificados,

**8**, 8 *Filipo*, era o gobernador de Xerusalén (cf **5**, 22).

**8**, 19 Refírese a 2 Re **19**, 35; do suceso seguinte contra os gálatas non hai referencias históricas claras.

as viúvas e os orfos, fóra dunha parte que gardaron para si e para os seus fillos. [29]E despois organizaron uns actos de oración pública para pediren ao Señor misericordioso que se reconciliase de todo cos seus servos.

[30]Loitaron tamén contra Timoteo e Báquides e fixéronlles máis de vinte mil baixas; apoderáronse con valentía das cidadelas e repartiron por igual os moitos espolios que colleron: entre eles, os damnificados, os orfos, as viúvas e os vellos. [31]Gardaron con coidadiño en sitios axeitados as armas que lles colleron ao inimigo e levaron a Xerusalén o resto dos espolios. [32]Mataron ao comandante dos homes de Timoteo, un verdadeiro criminal que lles fixera moito mal aos xudeus. [33]Polas festas da vitoria, celebradas na capital, queimaron vivos aos que lles puxeran lume ás portas sagradas, e a Kalístenes, que se agachara nunha casopa; así recibiron o pago da súa ruindade. [34]Nicanor, ese grande criminal, que trouxera mil tratantes para a venda dos escravos xudeus, [35]humillado, coa axuda de Deus, polos mesmos que el coidaba seren do peoriño, despoxado dos seus luxosos vestidos, andou coma un escravo fuxitivo a través das leiras e chegou a Antioquía, con ben máis sorte ca o seu exército esnaquizado. [36]E así, quen contaba facerse cos tributos debidos aos romanos grazas á venda dos escravos de Xerusalén, proclamaba agora que os xudeus tiñan unha axuda incomparable e que eran invulnerables, pois seguían as leis que Deus lles dera.

### Morte de Antíoco Epífanes

**9** [1]Daquela tamén Antíoco se tivera que retirar en desorde do país dos persas, [2]pois cando entrou na cidade de Persépolis, intentou saquear o templo e apoderarse da cidade; pero o pobo amotinouse e botouse ás armas, así que Antíoco, derrotado polos habitantes do país, tivo que emprender unha retirada vergonzosa. [3]Cando chegaba a Ecbátana, contáronlle o que lle pasara a Nicanor e ás tropas de Timoteo. [4]E, todo alporizado, decidiu vingarse nos xudeus das aldraxes que lle fixeran os que o puxeran en fuga. E así deulle orde ao carreteiro de que levase o carro sen parar ata o remate da viaxe. Pero non sabía o castigo que Deus lle tiña gardado, pois dixo con moita fachenda: –Cando chegue a Xerusalén hei facer dela un cemiterio de xudeus.

[5]Pero o Señor que todo o ve, o Deus de Israel, castigouno cunha doenza invisible e incurable; pois deseguida que dixo estas palabras deulle unha dor de ventre insoportable acompañada de agudas picadas no intestino [6]–cousa xusta, xa que tamén el torturara as entrañas doutros con moitos tormentos requintados–. [7]Pero aínda así non desistiu da súa soberbia; ao contrario, cada vez máis fachendoso e comendo lume contra os xudeus, mandou acelerar a marcha. Pero pasou que, cando ía a toda velocidade, caeu do carro e co golpe todos os membros do corpo lle quedaron trillados. [8]Entón, quen había pouco, cheo de arrogancia, pensaba dar ordes ás ondas do mar e pesar na romana os cumes dos montes, estaba agora tirado no chan e tiña que ser levado nunha liteira de xeito que todos puidesen comprobar a forza de Deus. [9]Do corpo deste malvado saían vermes, e a carne, viva e todo, íalle caendo a anacos entre dores grandísimas; e non había quen parase no campamento co cheiro que botaba o seu corpo podre. [10]A tanto chegou o fedor que ninguén podía transportar a aquel que antes semellaba poder coller o ceo coas mans. [11]Entón, ao verse en tal abatemento, deu en depor a súa fachenda; como a dor ía a máis cada vez, decatouse de que aquilo era un castigo de Deus, [12]e, sen poder aturar xa o seu propio cheiro, dixo: –É xusto que o mortal se someta a Deus e que non teña o atrevemento de se encarar con El.

[13]O malvado aquel rezáballe ao Señor, que xa non se compadecía del, e dicía [14]que deixaría libre a cidade santa cara á que se dirixía a toda présa para a derrubar e facer dela un cemiterio; [15]que os mesmos dereitos que tiñan os atenienses llelos daría tamén aos xudeus, dos que antes dixera que lles negaba a sepultura, e que os botaría a eles e aos seus fillos ás feras e aos paxaros carniceiros; [16]que adornaría con ofrendas riquísimas o templo santo que pouco antes saqueara, e devolvería en maior número os vasos sagrados; que pagaría os gastos do sacrificio coas súas propias rendas, [17]e que ata se faría xudeu e iría polo mundo adiante proclamando o poder de Deus. [18]Pero, como as dores non pasaban, pois caera sobre el o xusto xuízo de Deus,

**9**, 2 Xa deixamos dito que o seguinte relato da morte de Antíoco IV Epífanes non concorda nin con 1 Mac **6**, 1-16 nin sequera con 2 Mac **1**, 13-17. Este descaro na presentación dos feitos está dicindo a berros que a intencionalidade do autor é claramente relixiosa e edificante; o patetismo do relato intenta meter ao lector na fondura dos feitos.

**9**, 18 A seguinte carta ou foi escrita noutras circunstancias ou foi dirixida aos xudeus adictos ao rei, na procura de apoio para o seu sucesor.

xa sen esperanza de mellora, escribiulle esta carta aos xudeus en ton suplicante:

19"O rei e xeneral Antíoco saúda e desexa
prosperidade e benestar aos honrados cida-
dáns xudeus.
20Coa esperanza posta en Deus, espero que
vos atopedes ben, vós e vosos fillos e que os
vosos negocios vaian segundo os vosos dese-
xos. 21Eu, estando como estou, doente e sen
forzas na cama, lémbrome con agradecemen-
to da vosa estima e achego. Cando volvía de
Persia caín gravemente enfermo, e coidei que
era necesario pensar na seguridade de todos.
22Isto non quere dicir que non teña esperanza
de curar, eu conto con mellorar; 23pero quero
seguir o proceder do meu pai que sempre que
facía unha expedición bélica cara ás rexións
da montaña nomeaba un sucesor seu, 24para
que, se pasaba algo imprevisto ou se tiñan
malas novas, os súbditos non se inquietа-
sen, pois xa sabían quen collería o mando;
25amais diso, eu ben sei que os reis dos pobos
veciños están axexando e agardando o mo-
mento oportuno; por todo isto nomeei rei ao
meu fillo Antíoco, que xa vos presentei moi-
tas veces cando tiña que percorrer as rexións
do norte. Escribinlle a el a carta adxunta.
26Así que vos pido de corazón que lem-
bredes os beneficios xerais e particulares que
vos teño feito, e que teñades co meu fillo a
mesma lealdade ca comigo. 27Eu estou segu-
ro de que el, seguindo a miña liña moderada
e humana, hase de entender ben con vós".
28E así foi como aquel asasino e blasfemo,
envolto en terribles sufrimentos, morreu nas
montañas en terra allea, cunha morte mise-
rable, como el tratara tamén aos outros. 29O
seu íntimo amigo Filipo trasladou o seu ca-
dáver, pero despois tívolle medo ao fillo de
Antíoco e fuxiu para Exipto onda Ptolomeo
Filométor.

### Purificación do templo

**10** 1O Macabeo e os seus homes, coa axuda
de Deus, apoderáronse do templo e
da cidade, 2derrubaron os altares levantados
polos estranxeiros nos rueiros e nos lugares
sagrados. 3Purificaron o templo, construíron
outro altar, e despois dunha interrupción de
dous anos, ofreceron un sacrificio con lume
sacado dos croios, queimaron incenso, acen-
deron as lámpadas e presentaron os pans da
proposición. 4Despois que fixeron isto, bo-
táronse ao chan e pedíronlle ao Señor que
non os deixase caer máis en semellantes
desgrazas; que El os castigase con brandura,
se é que volvían pecar, e non os entregase
aos bárbaros e blasfemos estranxeiros. 5No
mesmo día en que os estranxeiros profanaron
o templo fixose a purificación, o día vinte e
cinco do mes de *Kisleu*. 6Celebraron con moi-
ta diversión a festa durante oito días, coma na
festa das Cabanas, para facer lembranza de
que había pouco, no tempo desta festa das
Cabanas, vivían coma feras nos montes e nas
covas. 7Por iso, con varas enramadas, rama-
llos verdes e palmas nas mans, cantábanlle
himnos ao que lles concedera chegar á puri-
ficación do seu templo. 8E ordenaron a todo
o pobo xudeu, mediante un decreto aprobado
por unanimidade, que celebrasen todos os
anos aquelas festas.

### Vitorias de Xudas

9E así foi como acabou Antíoco, chamado
Epífanes.
10Imos falar agora de Antíoco Eupátor, o
fillo daquel malvado, resumindo as desgrazas
que trouxeron as guerras. 11Cando tomou po-
sesión do reino, puxo á fronte do goberno a
un tal Lisias, comandante maior da Celesiria e
de Fenicia. 12Entre tanto Ptolomeo, o alcuma-
do Macrón, facíase notar polo trato xusto que
daba aos xudeus para compensar as inxustizas
de que foran obxecto, e procuraba gobernalos
pacificamente; 13pero, por isto foi denunciado
polos achegados ao rei, que decote o estaban
acusando tamén de traidor porque abandonara
Chipre, que lle confiara Filométor, e pasárase
ao bando de Antíoco Epífanes. Desesperado,
vendo que non podía desempeñar o seu cargo
honradamente, envelenouse.
14Gorxias, nomeado xeneral daquelas re-
xións, sostiña tropas mercenarias e cada
pouco andábase metendo cos xudeus. 15Pola
súa banda os idumeos, despois de apoderarse
de fortalezas ben situadas, tamén molesta-
ban aos xudeus e facían por manter viva a
guerra acollendo aos fuxitivos de Xerusalén.
16Os homes do Macabeo pedíronlle a Deus
na oración que os viñese axudar, e logo ata-
caron as fortalezas idumeas; 17atacáronas con
todo o valor, apoderáronse delas, rexeitaron
a cantos loitaban nas murallas e acoitelaron
aos que caeron nas súas mans. Cando menos
mataron a vinte mil.

**10**, 1 Despois de introducir a narración do c. **10** sobre a morte do rei Antíoco, o autor volve recoller o fío da historia que deixara en **9**, 36. 1 Mac **4**, 36-61 tamén narra a purificación do templo.

**10**, 5 Por dec. do ano 164.

**10**, 10 *Antíoco V Eupátor*, que reinou do 164 ao 162 a. C.

18Arredor de nove mil refuxiáronse en dúas torres moi fortes e con viandas abondo para resistiren o cerco. 19O Macabeo deixou a Simón, a Xosé e a Zaqueo con xente bastante para manter o cerco, e el marchou a outros sitios onde precisaban máis del. 20Pero os de Simón, levados pola avaricia, deixáronse subornar por algún dos refuxiados nas torres, pagáronlles sete mil dracmas e deixáronos fuxir. 21Cando o Macabeo se informou do caso, xuntou aos xefes do pobo e acusounos de que venderan a seus irmáns por cartos ao deixar fuxir os inimigos. 22Mandou que os executasen por traidores e conquistar deseguida as torres. 23Gracias á súa valentía puido poñer bo final a aquela empresa; nas dúas fortalezas matou a máis de vinte mil homes.

24Timoteo, derrotado antes polos xudeus, xuntou un exército moi grande de tropas mercenarias, trouxo moitísima cabalaría de Asia e chegou coa intención de conquistar Xudá. 25Cando os homes do Macabeo souberon que andaba cerca, rezáronlle a Deus cubrindo a cabeza con cinsa e envolvendo o corpo nun saco, 26e pedíronlle, prostrándose diante do altar, que lles botase unha man, que se fixese inimigo dos seus inimigos e adversario dos seus adversarios, como está dito na Lei. 27Así que acabaron de rezar, colleron as armas, saíron bastante da cidade e detivéronse cando viron que os inimigos estaban cerca. 28Ao abrir o día empezou a loita. Uns tiñan como garantía de éxito e vitoria, amais do seu valor, a confianza no Señor; outros soamente ían guiados pola súa ousadía. 29Cando máis dura estaba a loita, os inimigos viron no ceo cinco personaxes relucentes, montados en cabalos con freos de ouro; puxéronse á fronte dos xudeus, 30colocaron no medio ao Macabeo e defendíano coas súas armas e gardábano incólume mentres disparaban frechas e raios contra os inimigos, que cegados e desnortados, desorganizáronse de todo. 31Morreron vinte mil cincocentos de a pé e seiscentos de a cabalo.

32O mesmo Timoteo tivo que refuxiarse nun forte moi ben defendido chamado Guézer, á fronte do cal estaba Zuereas. 33Os soldados do Macabeo asediaron a torre con moita afouteza durante catro días. 34Os de dentro, moi confiados na boa defensa da cidadela, non paraban de maldicir e de botar xuramentos. 35Pero, ao alborexar o día quinto, vinte mozos do exército do Macabeo, cheos de carraxe por tanto xuramento, asaltaron valorosamente a muralla e mataron con asañamento a cantos se lles puxeron por diante. 36Outros sorprenderon aos asediados escalando a muralla por outra parte; pegáronlles lume ás torres, fixeron fogueiras e queimaron nelas aos blasfemos. Entre tanto outros tiraron coas portas e déronlle entrada ao resto do exército e conquistaron a cidade. 37Mataron a Timoteo que se agachara nunha cisterna, e tamén a seu irmán Zuereas e a Apolófanes. 38Despois desta fazaña loaron con himnos e cántigas ao Señor que tanto fixera por Israel dándolles aquela vitoria.

**11**, 4 1 Mac **4**, 26-35 conta, con variantes de importancia, esta mesma campaña como sucedida antes da Purificación do templo e baixo o reinado de Antíoco IV Epífanes.

### Desfeita de Lisias e paz cos xudeus

**11** 1Moi pouco tempo despois Lisias, titor, primeiro ministro e parente do rei, moi entristecido polo que pasara, 2xuntou cerca de oitenta mil homes e toda a cabalaría e avanzou contra os xudeus, co plan de facer da cidade unha colonia grega, 3someter o templo a tributos, coma os santuarios estranxeiros, e poñer en venda todos os anos o sumo sacerdocio. 4Nin sequera se lle viña á cabeza pensar no poder de Deus, tan cegado estaba polos seus milleiros de soldados de a pé e de a cabalo e polos seus oitenta elefantes. 5Ao entrar en Xudá, achegouse a Betsur, fortaleza situada nun desfiladeiro que está a cinco leguas de Xerusalén, e cercouna. 6Cando se informaron os homes do Macabeo de que Lisias cercaba a fortaleza, xuntándose con todo o pobo, pedíronlle ao Señor con moitos laios e bágoas que mandase un anxo bo para salvar a Israel. 7O mesmo Macabeo foi o primeiriño que colleu as armas, e arengou aos outros para que se expuxesen ao perigo coma el polo ben dos seus irmáns. Marcharon todos decididos, 8e, aínda cerca de Xerusalén, aparecéuselles un cabaleiro con vestidos brancos e armas de ouro, que se puxo á fronte do exército. 9Entón todos loaron ao Deus misericordioso, animáronse e estaban dispostos a arremeter xa non contra os homes, senón tamén contra as salvaxes feras e murallas de ferro.

10Avanzaban con orde, coa confianza posta naquel aliado do ceo, pois o Señor compadecérase deles. 11Botáronse coma leóns contra o inimigo, deixaron fóra de combate once mil de a pé e mil seiscentos de a cabalo, e fixeron fuxir os demais. 12A maioría dos que se salvaron quedaron feridos e desarmados.

O mesmo Lisias librouse fuxindo de xeito vergonzoso. [13]Pero, como non era un home parvo, matinou moito na desfeita que sufrira, e decatouse de que os hebreos eran invencibles, pois loitaba en favor deles o Deus todopoderoso, e por iso mandou un mensaxeiro [14]coa proposta de paz en condicións xustas, prometéndolles que convencería ao rei da necesidade de facerse amigo deles. [15]O Macabeo, tendo en conta o ben de todos, aceptou a proposta de Lisias, e o rei concedeu todo canto o Macabeo lle pedira por escrito a Lisias en favor dos xudeus. [16]A carta escrita por Lisias aos xudeus dicía así:

"Lisias saúda ao pobo xudeu.

[17]Xoán e Abxalom, os vosos embaixadores, entregáronme o documento e pedíronme que confirmase canto contiña. [18]Eu xa lle presentei ao rei todo o que lle tiña que presentar, e el concedeu o que lle parecía aceptable. [19]Se seguides nesa boa disposición cara ao reino, de agora en diante hei facer por vos axudar. [20]En canto ás miudezas xa lles mandei aos vosos mensaxeiros e aos meus que as traten convosco. [21]Que teñades sorte. A vinte e catro do mes de *Zeus Corintio*, do ano cento corenta e oito".

[22]A carta do rei dicía o seguinte:

"O rei Antíoco saúda ao seu irmán Lisias.

[23]Despois que meu pai se foi xuntar cos deuses, quixen que todos os súbditos do noso imperio se dedicasen sen medo ningún aos seus negocios; [24]e como teño oído que os xudeus non queren adoptar os costumes gregos, segundo desexaba meu pai, senón que prefiren conservar as súas tradicións e piden que se lles permita seguir coa súa lei, [25]tendo en conta isto, e co desexo de que este pobo viva tranquilo, decidimos devolverlles o templo e que se gobernen seguindo os costumes dos seus antepasados. [26]Así que mándalles embaixadores que fagan as paces con eles, para que, coñecendo o noso querer, poidan vivir contentos e atender ledamente os seus asuntos".

[27]A carta do rei ao pobo xudeu dicía así:

"O rei Antíoco saúda ao Senado e ao pobo xudeu.

[28]Sería para min unha grande alegría saber que estades ben. Nós estamos ben. [29]Menelao falounos de que queredes volver onda os vosos. [30]Pois a cantos volvan antes do trinta de *Xántico* prometémoslles paz e seguridade. [31]De agora en diante os xudeus poderán usar os seus alimentos e as súas leis coma antes, e ningún deles será molestado por infraccións cometidas noutros tempos. [32]Amais diso envíovos tamén a Menelao para que vos dea confianza. [33]Que teñades sorte. A quince de *Xántico* do ano cento corenta e oito".

[34]Tamén os romanos lles mandaron a seguinte carta:

"Quinto Memmio e Tito Manio, legados de Roma, saúdan ao pobo xudeu.

[35]Estamos de acordo con todo o que vos concedeu Lisias, parente do rei. [36]No referente ao que Lisias creu conveniente presentar ao rei, mandádenos a algúns deseguida con instrucións detalladas, para que llas presentemos ao rei como a vós vos interese, pois imos ir a Antioquía. [37]Así que dádevos présa en mandarnos alguén para que coñezamos o voso parecer. [38]Que teñades sorte. A quince de *Xántico* do ano cento corenta e oito".

### Vitorias de Xudas sobre os pobos veciños

**12** [1]Cando cerraron as negociacións, Lisias volveu onda o rei, e os xudeus dedicáronse aos traballos do campo. [2]Pero os gobernadores locais Timoteo, Apolonio o de Gueneo, Xerome e Demofón, e tamén Nicanor o xefe dos chipriotas, non os deixaban vivir tranquilos e en paz. [3]E os habitantes de Iafa cometeron un crime arrepiante. Invitaron aos xudeus que vivían entre eles a subir coas súas mulleres e cos seus fillos ás barcas que eles mesmos prepararan, sen mostrar ningunha inimizade [4]e coma se se tratase dun desexo común de toda a cidade. Os xudeus aceptaron porque querían vivir en paz e non sospeitaban nada malo. Pero, cando estaban en alta mar, botáronos á auga; eran arredor de duascentas persoas. [5]Cando Xudas coñeceu aquela crueldade contra os seus compatriotas, comunicoullo á súa xente, [6]e, invocando a Deus, xuíz xusto, foise contra os asasinos dos seus irmáns. Queimoulles o porto de noite, púxolles lume aos barcos e matou aos que se refuxiaran alí. [7]Como a cidade estaba pechada, retirouse, pero coa intención de volver outra vez e acabar con todos os habitantes de Iafa. [8]Ao saber que os de Iamnia pensaban facer o mesmo cos xudeus que alí había, [9]atacounos por sorpresa de noite e púxolles lume ao porto e aos barcos, e tanto foi o clamor do incendio, que se vía desde Xerusalén, que está a douscentos corenta estadios.

[10]A nove estadios de alí, cando ían contra Timoteo, saíronlle ao camiño cando menos cinco mil árabes con cincocentos de a cabalo. [11]O combate foi moi duro, pero venceron os

**11**, 21 Isto é, no ano 164 a. C.

**11**, 23 Por abr. do ano 164.

de Xudas, grazas á axuda de Deus. Os árabes derrotados pedíronlle a paz e prometíanlle entregarlles gando e axudalos de alí en diante. [12]Xudas viu que certamente lle poderían ser útiles en moitas cousas, e fixo as paces con eles; e despois disto os árabes foron para as súas tendas.

[13]Atacou tamén unha cidade chamada Caspín, que estaba defendida con foxos e murallas e poboada por xente de todas as razas. [14]Os de dentro, confiados nas fortes murallas e nos moitos víveres que tiñan, portáronse coma bocaláns cos homes de Xudas, aldraxábanos, e ata blasfemaban e botaban xuramentos. [15]Os de Xudas, invocando ao máis grande soberano do mundo, que no tempo de Xosué derrubara Iericó sen arietes e sen máquinas de guerra, botáronse contra as murallas cheos de afouteza. [16]Cando, porque Deus o quixo, conquistaron a cidade, fixeron unha matanza tan grande que unha lagoa que alí cerca había duns dous estadios de ancho parecía chea do sangue que nela entrara.

[17]Despois dunha marcha de setecentos cincuenta estadios, chegaron a Cáraca, onde viven os xudeus tobianos. [18]Non atoparon a Timoteo por aquela bisbarra, porque ao non conseguir nada, marchara de alí, pero deixara no sitio unha gornición moi forte. [19]Entón dous oficiais do Macabeo, Dositeo e Sosípatros foron alá e mataron a toda a gornición que Timoteo deixara alí, máis de dez mil homes.

[20]O Macabeo dividiu o seu exército en escuadróns, puxo á fronte deles a Dositeo e Sosípatros, e marchou contra Timoteo, que tiña un exército de cento vinte mil de a pé e dous mil cincocentos de a cabalo. [21]Sabedor do avance de Xudas, Timoteo mandou as mulleres e os meniños e toda a bagaxe para un lugar chamado Carnaim, inexpugnable e de difícil entrada porque aquela bisbarra era moi accidentada. [22]Aínda ben non apareceu o primeiro escuadrón de Xudas, o pánico apoderouse dos inimigos. Unha aparición de quen todo o ve meteulles tal medo no corpo que deron en fuxir, botándose por cadanseu lado, estorbándose e feríndose os uns aos outros.

[23]Xudas perseguiu con valentía a aqueles criminais e matou arredor duns trinta mil. [24]O mesmo Timoteo caeu nas mans dos homes de Dositeo e de Sosípatros, e pedíalles que o deixasen libre, pois tiña no seu poder os pais e irmáns de moitos que o ían pasar mal se o mataban a el. [25]Prometeu con toda clase de seguridade que os devolvería sans e salvos e soltárono porque querían salvar os irmáns.

[26]Despois Xudas asaltou Carnáim e o santuario de Atargates e matou a vinte e cinco mil homes. [27]Logo desta derrota e matanza, marchou contra Efrón, cidade ben fortificada onde vivía Lisias cunha chea de xente de todas as razas. Defendían as murallas mozos membrudos postos en rea ao pé delas, que loitaban con valor, e dentro tiñan boa provisión de material e de máquinas de guerra. [28]Pero os xudeus, invocando ao Omnipotente, que co seu poder esnaquiza a forza dos inimigos, apoderáronse da cidade e mataron a vinte e cinco mil dos seus habitantes.

[29]Partiron de alí e dirixíronse cara a Escitópolis, que dista de Xerusalén máis de seiscentos estadios. [30]Pero como os xudeus daquel sitio deron fe de que os de Escitópolis foran bos con eles e que os acolleran con humanidade nos días difíciles, [31]Xudas e os seus agradecéronllelo e pedíronlles que seguisen tratando ben á súa xente; despois volveron para Xerusalén porque xa estaba cerca a festa das Semanas.

[32]Despois da festa de Pentecoste os xudeus marcharon contra Gorxias, gobernador da Idumea. [33]Gorxias saíu con tres mil de a pé e catrocentos de a cabalo. [34]Empezaron o combate e caeron algúns xudeus. [35]Un tal Dositeo, cabaleiro valente dos de Bacenor, agarrou a Gorxias polo manto e arrastrouno con forza, pois quería coller vivo a aquel malvado; pero un dos xinetes tracios botouse contra Dositeo e deslombouno, e así Gorxias puido fuxir cara a Marexah.

[36]Os soldados de Esdrías andaban moi cansos porque estiveran loitando moito tempo; entón Xudas pediulle ao Señor que fose o seu aliado e guía no combate. [37]Entoou na súa propia lingua un canto de guerra e atacou por sorpresa aos de Gorxias que tiveron que fuxir. [38]Xudas xuntou o exército e marchou cara á cidade de Adulam. No día sétimo purificáronse seguindo o costume e celebraron alí o sábado. [39]Ao día seguinte os soldados

**12**, 13 *Caspín*, probablemente o Casfo de 1 Mac **5**, 26. 36. O relato de 2 Mac **12**, 13-16 semella ter o seu paralelo en 1 Mac **5**, 26-36.

**12**, 17 *Tobianos*, por residiren na rexión de Tob (cf 1 Mac **5**, 13).

**12**, 21 Carnaim (cf 1 Mac **5**, 43), lugar onde había un templo dedicado a Atargates (v. 26), no que coidaba atopar refuxio sagrado.

**12**, 29 *Escitópolis*, cidade dos escitas, nome grego dado a Betxeán (cf 1 Mac **5**, 52) cando estes a tomaron no 631 a. C.

**12**, 31 *Festa das Semanas*, ou Pentecostes, que se celebraba sete semanas despois de Pascua.

de Xudas, como cumpría facer, foron recoller os cadáveres para depositalos cos seus parentes nos sepulcros da familia. [40]E debaixo dos mantelos dos mortos atoparon amuletos dos ídolos de Iamnia, que lles están prohibidos aos xudeus pola Lei. Todos se decataron entón da razón daquelas mortes, [41]e todos deron gloria ao Señor, xuíz xusto, que descobre o escondido [42]e rezaron para que se lles perdoase de todo o pecado cometido. O nobre Xudas exhortou á tropa para que non pecase, pois ben vían cos seus mesmos ollos as consecuencias do pecado nos que morreran. [43]Despois fixo unha colecta, e os dous mil dracmas de prata que recolleu mandounos a Xerusalén para que ofrecesen un sacrificio de expiación. Un feito digno e nobre para o que pensa na resurrección; [44]pois se non crese na resurrección dos mortos, non sei a que viría rezar polos defuntos. [45]Pero para o que pensa que aos que morren piadosamente lles está reservada unha recompensa magnífica, [46]a cousa é piadosa e santa. Por iso mandou ofrecer un sacrificio de expiación polos mortos, para que se lles perdoasen os pecados.

**13** [1]No ano cento corenta e nove coñeceron os homes de Xudas que Antíoco Eupátor avanzaba cara a Xudá cun exército moi grande, [2]e que tamén viña con el Lisias, preceptor seu e encargado do goberno; o exército que traían era de cento dez mil soldados gregos de a pé, cinco mil trescentos de a cabalo, vinte e dous elefantes e trescentos carros. [3]Xuntóuselles tamén Menelao, que con moita astucia animaba a Antíoco, e non porque quixese librar a súa patria, senón porque esperaba ser restituído no seu cargo.

[4]Pero o Rei de reis excitou a carraxe de Antíoco contra aquel criminal. Lisias fixolle ver ao rei que Menelao fora o causante de todas as revoltas; entón Antíoco mandou que o levasen a Berea e que o axustizasen alí seguindo os costumes daquel pobo. [5]Había alí unha torre duns cincuenta cóbados de alto, chea de remol, cun aparato viradoiro, que do lado que fose, sempre deitaba a un cara á cinsa; [6]alí botaban para que morrese ao que fixera un roubo sacrílego ou outros crimes igualmente graves. [7]E así foi como acabou o desleigado aquel, Menelao, que nin sequera foi honrado cunha sepultura. [8]Cousa xustísima que quen tantos delitos cometera contra o altar, que ten un lume e unhas cinsas santas, atopase na cinsa a súa morte.

[9]O rei seguiu avanzando cheo de sentimentos feroces e disposto a mostrarse máis duro cos xudeus ca seu pai. [10]Xudas, ao sabelo, mandou que a súa xente pedise de día e de noite ao Señor para que, como fixera noutros momentos, tamén agora viñese axudar os que estaban en perigo de quedárense sen Lei, sen patria e sen templo, [11]e para que non permitise que xentes blasfemas asoballasen o pobo, agora que este principiaba a alentar. [12]Puxéronse todos a rezar xuntos, e pedíronlle ao Señor misericordioso con laios, xaxúns e prosternacións durante tres días. Xudas animounos e mandoulles que estivesen dispostos. [13]E, despois de consultar cos senadores, decidiu emprender a marcha e resolver a situación –sempre contando coa axuda de Deus– antes de que o rei invadise Xudá co seu exército e se apoderase da capital. [14]Poñendo todo nas mans do Creador do mundo, deulle azos á tropa para que loitase con afouteza ata a morte polas leis, o templo, a cidade, a patria e as súas institucións. E foi acampar nos arredores de Modín. [15]Deulles aos seus homes o contrasinal de "vitoria de Deus", e cun fatiño de mozos dos máis valentes atacou de noite a tenda do rei; matou case dous mil homes e tamén o elefante principal co que estaba enriba del. [16]Logo encheron o campamento de pánico e confusión e largáronse vitoriosos. [17]Ao alborexar xa todo estaba feito, grazas á axuda que o Señor lles concedera.

[18]Ao ver o rei o destemidos que eran os xudeus, intentou apoderarse das fortalezas valéndose de trampas. [19]Achegouse a Betsur, un outeiro xudeu fortificado; atacouno, e foi rexeitado; volveu atacar e vencérono. [20]Xudas mandou provisións aos asediados. [21]Rodoco, un soldado do exército xudeu, comunicoulle ao inimigo segredos da defensa; descubrírono, prendérono e axustizárono.

[22]O rei volveu parlamentar cos de Betsur; fixeron as paces e retirouse. Logo foi atacar aos de Xudas, pero vencérono. [23]Entre tanto soubo que Filipo, a quen deixara como encargado do reino, se rebelara en Antioquía. Quedou abraiado. Pediulles a paz aos xudeus e xurou que aceptaría todas as peticións xustas; fixeron as paces e ofreceu un sacrificio, honrou o templo, gardoulle respecto ao lu-

**12**, 46 O razoamento teolóxico do autor sobre os feitos dos vv. 39 ao 46 é moi coherente, e representa unha novidade doutrinal. Son os primeiros pasos dunha solidariedade entre vivos e defuntos baseada na esperanza dunha común resurrección.

**13**, 1 Isto é, polo ano 164/163 a. C. 1 Mac **6**, 18-63 é un paralelo diferente abondo do relato que segue.

gar santo. [24]Recibiu moi ben ao Macabeo e
puxo a Hexemónides como gobernador do
territorio que vai desde Ptolemaida ata Gue-
rar. [25]Despois foise para Ptolemaida; pero os
habitantes desta cidade non viron ben os tra-
tados, estaban indignados e querían anular.
[26]Lisias, entón, subiu á tribuna e esforzouse
por defender a cousa; conseguiu devolverlles
a calma, e regresou para Antioquía.

Esta é a historia da chegada e da marcha
do rei.

### Intrigas de Alcimo. Alianza e loitas con Nicanor

**14** [1]De alí a tres anos, Xudas e os seus
informáronse de que Demetrio, o fillo
de Seleuco, desembarcara no porto de Trípoli
cun exército poderoso e cunha escuadra, [2]e
de que se apoderara do país despois de matar
a Antíoco e ao seu titor Lisias. [3]Un tal Alci-
mo, que fora antes sumo sacerdote, pero que
se contaminara voluntariamente nos tempos
da revolta, decatándose de que para el xa non
había posibilidade de ser rehabilitado nin de
acceder ao altar santo, [4]foi onda o rei De-
metrio, aló polo ano cento cincuenta e un e
ofreceulle unha coroa de ouro, unha palma,
e, amais diso, os tradicionais ramos de olivei-
ra do templo; naquel día non fixo máis nada.
[5]Pero aproveitou a ocasión de mostrar a súa
astucia cando Demetrio o chamou ao conse-
llo. Ao ser preguntado sobre as disposicións
e planos dos xudeus, [6]respondeu: –Hai uns
xudeus que se chaman asideos e que, baixo
as ordes de Xudas o Macabeo, fomentan gue-
rras e revoltas e non deixan que o reino viva
en paz. [7]Por iso eu, desposuído da dignidade
dos meus avós –estoume referindo ao sumo
sacerdocio– vin aquí agora [8]maiormente pre-
ocupado de verdade polos intereses do rei, e
despois tamén pensando nos meus compa-
triotas, xa que pola irreflexión dos devanditos
homes, toda a nosa xente está sufrindo moito.
[9]Infórmate ben, rei, de todo isto, e mira polo
noso país e pola nosa xente desgraciada, de
acordo cos sentimentos humanitarios que tes
con todos. [10]Mentres Xudas siga vivindo é
imposible que haxa paz.

[11]Cando el acabou de dicir isto, os demais
amigos que estaban a mal con Xudas decon-
tado deron en avivar os ánimos de Demetrio.
[12]Este escolleu deseguida a Nicanor, xefe do
escuadrón dos elefantes, nomeouno goberna-
dor de Xudea e mandouno aló [13]coa orde de
matar a Xudas, de espallar as súas tropas e de
rehabilitar a Alcimo como sumo sacerdote do
templo aquel tan maxestoso. [14]Os estranxei-
ros que en Xudea andaban escapados por mor
de Xudas xuntáronselle en riolas a Nicanor,
coidando que a desventura e a desgraza dos
xudeus serían de proveito para eles. [15]Cando
os xudeus tiveron noticias da expedición de
Nicanor e de que os estranxeiros se lle xun-
taran, cubríronse de po e deron en suplicar a
Aquel que estableceu ao seu pobo para sem-
pre e que arreo coida da súa herdanza con fei-
tos prodixiosos. [16]Por orde do seu xefe saíron
axiña daquel sitio e trabaron batalla con eles
cerca de Dessau. [17]Simón, o irmán de Xudas,
atacou a Nicanor, pero, por mor da aparición
inesperada de inimigos, sufriu unha pequena
desfeita. [18]Mais Nicanor, coñecedor da afou-
teza dos homes de Xudas e do valor con que
loitaban pola patria, non quixo resolver a si-
tuación polo sangue. [19]E por iso mandou a
Posidonio, a Teodoto e mais a Matatías para
concertar a paz. [20]Despois dun longo estudo
das propostas o xefe comunicoullas á tropa, e
vendo que todos estaban de acordo determi-
naron de dar o visto e prace ao tratado. [21]Pu-
xeron un día para atoparse nun mesmo lugar
os dous xefes. De cada lado adiantouse un
carro e colocaron asentos. [22]Xudas deixara
apostados homes armados en sitios estratéxi-
cos, dispostos a intervir no caso de que os
inimigos actuaran de súpeto con falsidade.
Pero o encontro foi sen novidade. [23]Nicanor
quedou algún tempo en Xerusalén, sen fa-
cer nada que chamase a atención e despediu
as multitudes que en riolas viñeran onda el.
[24]Tiña sempre a Xudas ao seu lado, pois che-
gara a collerlle afecto. [25]Aconselloulle que
casase e que tivese fillos. Xudas casou, viviu
con tranquilidade e gozou da vida.

[26]Alcimo, ao ver as estreitas relacións que
os unían, fixose cunha copia dos acordos es-
tablecidos e presentouse onda Demetrio di-
cindo que Nicanor actuaba en contra dos inte-
reses do estado, pois designara sucesor seu a
Xudas, o perturbador do reino. [27]O rei alpori-
zado e enrabiado polas falsidades deste home
de mal, escribiulle a Nicanor dicíndolle que
non aprobaba o tratado e mandándolle que
decontado lle remitise ao Macabeo encadea-
do a Antioquía. [28]Cando Nicanor recibiu estas
ordes moito se entristeceu, pois non quería

**14**, 1 Cf 1 Mac **7**, 1ss e **7**, 1 nota.
**14**, 4 O ano 161 a. C.
**14**, 6 *Asideos*, cf 1 Mac **2**, 42, nota.
**14**, 16 *Dessau*, probablemente a Hadaxah de 1 Mac **7**, 40, tamén relacionada coa expedición de Nicanor.
**14**, 24 A contradición destes datos co narrado en 1 Mac **7**, 26ss. é patente.

anular o acordado, xa que Xudas nada malo fixera. [29]Pero como non podía desobedecerlle ao rei, andaba á procura do momento a xeito para cumprir as ordes do rei valéndose dun engano. [30]O Macabeo decatouse de que Nicanor o trataba dunha maneira máis dura e de que era máis frío nas súas relacións normais; e pensou que tal comportamento non era bo sinal. Xuntou a bastantes seguidores seus e escondeuse con eles de Nicanor. [31]Cando este advertiu que fora burlado pola habilidade de Xudas, chegouse ao grandioso e santísimo templo na hora en que os sacerdotes ofrecían os sacrificios rituais, e esixiu que lle entregasen a aquel home. [32]Eles aseguraron con xuramento que non sabían onde se atopaba; [33]entón estendendo a man dereita cara ao templo dixo este xuramento: –Se non me entregades preso a Xudas, arrasarei este santuario, esnaquizarei o altar e construirei aquí mesmo un templo marabilloso a Dioniso.

[34]Despois de que dixo isto, marchou; os sacerdotes coas mans ergueitas cara ao ceo, deron en rezarlle ao que sempre loita en favor do noso pobo dicindo: [35] –Ti, Señor de todas as cousas, aínda que non andas necesitado de nada, tiveches a ben poñer no medio de nós o templo da túa morada. [36]Agora, pois, Señor santo de toda santidade, garda para sempre sen lixo esta casa hai pouco purificada.

[37]Daquela, Razías, un dos anciáns de Xerusalén, foi denunciado a Nicanor. Era un home amante dos seus concidadáns, de moi boa fama, que polo seu bo corazón era chamado "pai dos xudeus"; [38]denunciárono por culpa de que nos tempos anteriores á revolta fora acusado de xudaísmo e de que por el arriscara o corpo e a vida cunha teima admirable. [39]Nicanor quería deixar ben claro o aborrecemento que lles tiña aos xudeus, e entón mandou máis de cincocentos soldados para prendelo, [40]pois coidaba que co seu arresto lles causaba un bo prexuízo. [41]Cando as tropas estaban xa a piques de apoderarse da torre e de forzar a porta do adro, con orde de poñerlles lume ás portas e queimalas, Razías cercado todo de arredor, botouse sobre a súa espada; [42]quixo mellor morrer con honra que caer naquelas mans criminais e ser aldraxado dun xeito que non lle acaía á súa nobreza. [43]Pero, ao non acertar o golpe por razón da precipitación do asalto, vendo que a tropa xa irrompía polas portas cara ao interior, botouse a correr con afouteza cara ás murallas e guindouse coma un valente sobre a multitude; [44]a xente retirouse deseguida e el veu caer no oco aberto. [45]Aínda vivo e co ánimo exaltado, ergueuse a pesar de que o sangue lle saía a cachón e de que as feridas eran graves; botouse ás carreiras polo medio da tropa, subiu a un penedo fragoso, [46]e alí, xa case sen sangue, arrincou os seus intestinos e colleunos coas dúas mans, lanzounos contra as tropas, e despois de rezar ao dono da vida e mais do espírito para que llos devolvese outra vez, finou.

### Derrota de Nicanor

**15** [1]Soubo Nicanor que Xudas e mais os seus andaban pola bisbarra de Samaria, e acordou atacalos sen correr risco no día do descanso. [2]Os xudeus que o tiveran que acompañar pola forza dixéronlle: –Non mates de maneira tan inhumana e bárbara; respecta o día santificado de xeito especial por Aquel que todo o ve.

[3]Pero aquel home, ruín sen comparanza, preguntou se no ceo había un Señor que mandara santificar o día do sábado. [4]Eles respondéronlle: –Hai un Señor que vive como soberano do ceo; El mandou santificar o día sétimo.

[5]Entón Nicanor dixo: –Pois eu son o soberano da terra; e mando coller as armas e servir o rei.

Mais non puido realizar aquel proxecto malvado. [6]Mentres Nicanor, fanfurriñando, pensaba erixir un trofeo público pola vitoria sobre os homes de Xudas, [7]o Macabeo esperaba cunha fe cega a axuda de parte do Señor, [8]e exhortaba aos que estaban xunto del a que non temesen o ataque dos estranxeiros, e a que, lembrándose do amparo que noutrora lles viñera do ceo, agardasen tamén agora a vitoria que lles había vir de parte do Todopoderoso. [9]Alentábaos con citas da Lei e dos Profetas, recordáballes as batallas que xa superaran e así devolveulles a coraxe. [10]Para exaltar os ánimos fíxolles ver a ruindade dos estranxeiros e a violación dos xuramentos. [11]Armounos a todos, máis que coa seguridade dos escudos e das lanzas, con palabras alentadoras; e contoulles un soño digno de fe, unha visión que os alegrou a todos.

O seu soño era este: [12]Onías, que fora sumo sacerdote, home bo e honrado, distinguido

**15**, 6 Este *trofeo* consistía no amoreamento das armas dos vencidos arredor dun montón de pedras.
**15**, 9 Cf tamén 1 Mac **12**, 9.
**15**, 11 *O soño* dos vv. 12-16 é un soño premonitorio, que aparece adoito no A. T. e tamén na literatura grega contemporánea. De seu esta pasaxe nada intenta afirmar doutrinalmente sobre a intercesión dos defuntos en favor dos vivos.

pola súa amabilidade, polas súas boas maneiras, e polas súas palabras xustas e precisas, dado desde a súa nenez á práctica do ben, rezaba polo pobo xudeu cos brazos abertos. 13E aparecéuselle un home distinguido pola súa idade e mais a súa dignidade, rodeado dunha maxestade abraiante e magnífica. 14Onías falou e dixo: "Velaquí o que lles quere ben aos seus irmáns, o que reza moito polo seu pobo e pola cidade santa, Xeremías, o profeta de Deus". 15Xeremías coa súa man dereita entregoulle a Xudas unha espada de ouro, e díxolle: 16"Recibe, como regalo de Deus esta espada sagrada; con ela esnaquizarás os inimigos".

17Animados con estas fermosas palabras de Xudas, capaces de levar ao heroísmo e de fortalecer os corazóns dos mozos, acordaron non se gardar no refuxio, senón atacar con valentía e resolver a situación loitando con afouteza, pois a cidade, a relixión e mais o templo estaban en perigo. 18Para eles a preocupación polas súas mulleres, fillos, irmáns e demais parentes era cousa secundaria; o primeiro e máis importante era o templo sagrado. 19Os que quedaron na cidade tamén eles estaban angustiados coa preocupación pola loita en campo aberto. 20Todos agardaban o resultado que se ía producir. Os inimigos concentráronse e dispuxéronse para a loita; os elefantes estaban nos seus postos e a cabalaría en orde polas alas. 21O Macabeo, ao ver o avance das tropas, a variedade do seu equipamento e a fereza dos elefantes, estendeu as mans cara ao ceo e deu en invocar o Señor que fai prodixios, pois ben sabía que a vitoria non depende das armas, senón da decisión daquel que lla dá a quen é merecente dela. 22Velaquí o rezo que fixo Xudas:

–Ti, Señor, nos tempos de Ezequías, rei de Xudá, mandaches o teu anxo que matou cento oitenta e cinco mil homes do exército de Senaquerib; 23manda tamén agora, Soberano dos ceos, un anxo bo diante de nós que poña medo e arrepío. 24Que a forza do teu brazo desfaga aos que blasfemando viñeron atacar o teu pobo santo.

E non dixo máis nada.

25A tropa de Nicanor avanzaba ao son das trompetas e dos cantos de guerra; 26os homes de Xudas principiaron a loita con rezos e pregarias. 27Loitaban coas mans, pero rezaban a Deus no seu corazón; deste xeito abateron trinta e cinco mil homes, ou máis. Moito se alegraron por aquela axuda manifesta do Señor. 28Cando xa volvían, cheos de gozo polo éxito, descubriron que Nicanor estaba morto no chan coa súa armadura. 29Entón no medio dos berros e do balbordo déronlle grazas a Deus na fala de seus pais. 30E o que loitara con todas as forzas do seu corpo e da súa alma polo ben dos seus concidadáns e que desde mozo se mantivera fiel ao seu pobo, mandou que a Nicanor lle cortasen a cabeza e o brazo dereito polo ombreiro, e que os levasen a Xerusalén. 31Tan axiña como chegou alá, convocou ao pobo e aos sacerdotes, púxose diante do altar e mandou vir aos da cidade. 32Mostroulles a cabeza do malvado Nicanor e o brazo que aquel blasfemo erguera insolente cara á santa morada do Todopoderoso; 33despois cortou a lingua do malvado Nicanor e mandou que llela deran en anacos aos paxaros e mais que pendurasen enfronte do templo o instrumento da súa tolería. 34Daquela todos ergueron os seus ollos cara ao ceo e bendiciron ao Señor que se lles manifestara, dicindo: –Benia o que conservou sen lixo o seu lugar santo.

35A cabeza de Nicanor quedou pendurada na cidadela, como sinal claro e evidente para todos da axuda do Señor. 36E acordaron todos por unanimidade non deixar pasar aquel día sen solemnizalo, e celebrar o día trece do duodécimo mes, chamado en siríaco *Adar*, a véspera do día de Mardoqueo.

### Epílogo

37Estes son os acontecementos relacionados con Nicanor. Como desde aquela a cidade quedou en poder dos hebreos, eu tamén vou poñer fin aquí mesmo ao meu traballo. 38Se quedou fermoso e ben redactado, ese era o meu desexo; se é deficiente e mediocre, eu fixen o que puiden. 39Do mesmo xeito que o viño só e a auga soa non fan ben, e cómpre mesturalos para acadar un gusto bo e agradable, así tamén a axeitada disposición dun relato é grata aos oídos dos que lean a obra. E con isto acabei.

**15**, 31 Por este tempo aínda a cidadela de Xerusalén non estaba nas mans dos xudeus; caería despois, baixo Simón Macabeo (cf 1 Mac **13**, 49-51).

# INTRODUCIÓN AO LIBRO DE XOB

## 1. As cuestións que se formula un home aburado pola dor

*"Fixeches de min un maxal diante dos pobos", di o autor do libro en **17**, 6, e leva boa razón. A verba "maxal" tanto valía para designar un proverbio popular coma un tema de disensión e liorta constantemente recorrente; e ambas as dúas cousas danse verbo da figura de Xob. Na tópica popular, Xob chegou a ser o prototipo do home paciente; na tópica literaria, a súa figura suxire o tratamento do problema da dor do inocente. Arredor da lectura do seu texto tecéronse libres interpretacións, que xiran acerca de proposicións existenciais (Kierkegaard), psicolóxicas (Jung), ou ateístas (Bloch). Outras tentan basear o seu debate, valéndose da tradución de determinados textos (cf **14**, 11-12; **16**, 18-22; **19**, 25-29; **29**, 18), na orixe do concepto israelí da inmortalidade; ou ben fundamentan a crítica da teodicea ou a procura da multiplicidade de niveis da verdade. O libriño, cumio da literatura universal, ten xa que logo unha longa historia interpretativa, e con ela ha de contar o lector. Cómpre, logo, tentar de saber o que o autor quixo dicir. Antes de calquera interpretación imponse unha análise do libro no seu contexto, composición e estrutura.*

*Na literatura do Antigo Oriente existiu un pequeno grupo de obras literarias con ideas familiares ás de Xob, tanto na forma coma no contido: en Sumer, o "Laio do doente"; en Babilonia, a pregaria "LudlulbelNemeqi" (Quero loar o Señor da Sabedoría) e os diálogos "Do doente e o seu amigo" e "O Señor e o seu criado"; en Exipto, o "Diálogo do doente coa súa alma": todos eles presentaban o abandono do home piadoso por parte da divindade ou ben a protesta contra a inxustiza na vida. Nos diálogos babilonios, ao remate da disputa, a intervención dun ser celeste como "Deus ex machina", ou ben unha postura agnóstica superada polo milagre, resolvían o problema.*

## 2. As respostas pouco fundadas e a luz que ofrece a palabra de Deus

*Que fai Xob en Israel? O seu nome (Iyyob) e os datos xeográficos da súa procedencia e dos seus amigos (**1**, 1; **2**, 11) sitúano na rexión de Edom ou do norte de Arabia. Dous versos de Ezequiel (**14**, 14. 20) menciónano xunto con Noé e mais Daniel, os "santos pagáns" da tradición do A. T., de moi probable ascendencia cananea (textos de Ugarit). Por outra banda, o vocabulario, co seu neocananeísmo poético, as frecuentes alusións sálmicas e o indubidable coñecemento que presupón dos libros de Xeremías e Lamentacións, fan sinalar a data da composición arredor do 400 a. C., en Palestina.*

*A volta do Exilio significara para os círculos dos sabios de Israel un período de consolidación estamental e unha toma de conciencia da propia importancia. En Pr **1-9** a Sabedoría ofrecía seguridade e bendición, e o problema da retribución polos feitos bos ou malos resolvíase de maneira mecánica coa lei "a tal obra tal efecto", que reflectía un dogma da teoloxía das escolas. A figura de Deus estaba deste xeito sometida a un sistema previsible de funcionamento. A consecuencia de todo isto era un Deus moi coñecido polos teólogos, pero non o Deus libre de Israel.*

*O problema da morte e da dor, a desfeita ocasionada polo derrubamento histórico de Israel, e pode que a experiencia persoal, levan a un mestre (cf **4**, 3-5) a abandonar ese dogma e cuestionar a apoloxética usual.*

*Xob é un debate dentro do círculo sapiencial. Os axiomas ortodoxos e as súas teses son defendidas polos amigos de Xob (**12**, 2-3; **4**, 7-8; cf Pr **10**, 3; **15**, 25) coa simplificación do teólogo de oficio, que desexa reducir a complexidade da experiencia á simplicidade da fórmula. Xob reflicte dramaticamente a experiencia persoal da inadecuación dunhas respostas esclerotizadas, e sae valentemente á procura dunha nova imaxe de Deus. É Xob polo tanto un libro antisapiencial? Non; máis ben retorna ao que foran as raigañas da sabedoría popular máis enxebre: a historicidade do saber e a súa aplicación en cada intre (cf Pr **26**, 4. 5), a apertura a novos descubrimentos na orde do mundo, a conciencia de non coñecer o misterio das cousas, a liberdade de Iavé por riba de todo.*

## 3. A composición do libro e a súa estrutura

*O libro non é unitario na súa composición. O afastamento entre a figura do Xob exemplar dos primeiros capítulos e a do*

*Xob rebelado e case blasfemo do resto do libro, dexérgase á primeira lectura. Hoxe en día admítese unanimemente un proceso xenético na creación da obra, que dá tamén a clave da súa estrutura. É o seguinte: (a) unha antiga narración lendaria en prosa, de estilo patriarcal e orixe preexílica (cc.* ***1-2*** *e* ***42****, 7-17), foi utilizada e acomodada por un autor para encadrar (b) un poema en verso que inclúe a disputa en tres ciclos entre Xob e tres amigos (cc.* ***3-27*** *e* ***29-31****) e a resposta de Deus ás demandas de Xob (* ***38****, 1-****42****, 6).(c) Un autor ou editor posterior acrecentou o libro cos capítulos* ***32-37****, introducindo un personaxe novo, Elihú, que repite, ao modo dos amigos e con pequenas variantes, a doutrina tradicional nun xeito máis duro. Por último, (d) engadiuse o capítulo* ***28****, un poema sobre a sabedoría, sen dúbida debido a unha certa afinidade co tema.*

## 4. O seu xénero literario

*Moito se ten escrito acerca do xénero literario do poema: debate xudicial, diálogo xurdido por amplificación dunha lamentación, drama poético... Ningunha categoría das propostas fai xustiza ao libro na súa complexidade, pois nel atópanse temática xurídica, motivos de instrución sapiencial, elementos hímnicos, laios, etc... O termo "diálogo sapiencial" é suficientemente amplo, se se quere, para abranguelos todos, pero de nada vale para catalogar unha creación única e maxistral na súa especie. De todos xeitos, cómpre ter en conta que a forma de diálogo israelita non se move linealmente, progresando na discusión ata atopar unha solución final (caso dos diálogos gregos), senón que procede en varias direccións e en círculos concéntricos co intento de captar un problema na súa totalidade. A acción é mínima e decorre desde o monólogo do capítulo* ***3****, que suscita a situación de desesperanza, ao monólogo dos capítulos* ***29-31****, que esixen a presenza de Deus no debate, cousa que ocorre nos capítulos* ***38****, 1-****42****, 6.*

## 5. Tan só Deus dá senso ao máis fondo do ser humano

*Nesa disposición e con eses medios expresivos, o autor toca con penetración radical os últimos valores da vida humana, a súa xerarquía, a soidade esencial do home, o desexo de Deus como modo de coñecelo. Deste xeito leva á depuración da intención máis auténtica da sabedoría: destruíndo os fetiches cos que a meirande parte dos homes identifica á relixión, a súa pregunta alude a Deus como é e ao mundo como é, aproximándose máis ca calquera outro texto sapiencial ao sentido do ser. É o paso dunha fe en canto sostén e marco da vida, a unha fe como desafío e salto no baleiro.*

*Os resultados desta enquisa do libro, reflectidos en* ***42****, 1. 7 son os seguintes: Xob non pode condenar a Deus; mais fixo ben en pescudar ata o extremo. A dogmática das escolas fabricou unha caricatura de Deus. A clave dunha vida moral auténtica é a integridade persoal non fachendosa, senón totalmente comprometida coa verdade, o amor, o ben; e baseada na fe de que eses son os valores que sosteñen o universo. Como contraprestación a esa postura de total xustiza, non existe na terra máis ca un alicerce: a aprobación de Deus.*

*Cómpre, con todo, non facer torto o espíritu hebreo. Para este, interesado en iluminar os problemas desde todos os recantos, a voz da tradición tiña tamén o valor de presentar verdades parciais, anacos da verdade total; deste xeito conséguense no libro os niveis de sentido da dor en canto disciplina, proba e vicariedade.*

*A voz de Xob (e coma el a do Qohélet no Eclesiastés) foi unha voz solitaria no coro da sabedoría tradicional de Israel, que volvería ás canles trilladas co Ben Sírah ou Eclesiástico. A figura de Xob e a súa teima quedaron como fito ineludible de autenticidade, e asemade pedra de escándalo na experiencia bíblica de Deus, o que fica marabillosamente reflectido nas verbas dun comentario rabínico, o Midrax Pesiqta Rabbati, 190 b: "Algúns din agora na pregaria: Deus de Abraham, Deus de Isaac e Deus de Xacob; mais tamén hai quen engade: e Deus de Xob".*

# LIBRO DE XOB

## PRÓLOGO

### Presentación de Xob

**1** [1]Houbo unha vez un home na terra de Us,
que se chamaba Xob. Era o tal un home
íntegro e xusto, que temía a Deus e se arreda-
ba do mal. [2]Nacéranlle sete fillos e tres fillas.
[3]Compúñase a súa habenza de sete mil ove-
llas, tres mil camelos, cincocentas xugadas
de bois, cincocentas burras, e servos nume-
rosos. Aquel home era o máis rico dos orien-
tais. [4]Tiñan os fillos costume de facer cadan-
seu banquete nas súas casas, en cadanseu
día; e mandaban convite ás tres irmás para
comeren e beberen xuntos. [5]Ao remate deses
días de festa facíaos vir Xob para purificalos;
erguíase de mañá e ofrendaba holocaustos
por todos eles, pois dicía para si: E quen sabe
se non terán pecado estes meus fillos, rene-
gando de Deus nas súas conciencias? E deste
xeito obraba sempre.

### Primeira disputa no ceo

[6]Aconteceu, pois, un día que, ao viren
os anxos render acatamento diante de Iavé,
achegouse tamén con eles Satán. [7]E pregun-
toulle Iavé a Satán: –De onde chegas?

Respondeulle Satán a Iavé: –De dar unha
volta pola terra.

[8]Díxolle Iavé a Satán: –Xa reparaches no
meu servo Xob? Home coma el non o hai no
mundo, íntegro e xusto, temeroso de Deus e
arredado do mal.

[9]Respondeu Satán a Iavé: –Seica Xob
teme a Deus de balde! [10]Non será que o tes
ti ben cinguido cun valado, el, o seu lar, e
canto posúe, e que bendiciches canto fai, e
que o seu gando se espalla por toda a cam-
pía? [11]Pero ponlle a man enriba e tócalle no
que posúe, e has ver se non te maldí na cara!

[12]Díxolle Iavé a Satán: –Ben: fai o que
queiras coas súas cousas; soamente non po-
ñas a man nel.

Entón saíu Satán de diante de Iavé.

### Primeira proba

[13]E aconteceu no día en que estaban a xan-
tar e beber viño os seus fillos e fillas no pazo
de seu irmán o vinculeiro, [14]cando chegou
a Xob un criado dicindo: –Estaban os bois
arando e as burras a carón pacendo [15]e caeu
sobre eles unha banda de xabeos que rouba-

**1**, 1-**2**, 13 *Prólogo*. A sección en prosa do libro de Xob (cc. **1**-**2**; **42**, 7-17) ten de fondo unha narración popular, probablemente destinada á recitación oral nunha existencia previa á do libro, e cortada segundo o patrón dos relatos dos patriarcas. Na súa versión actual mostra múltiples indicios de reelaboración literaria, debido á necesidade de a facer servir de encadramento ao poema en canto tal, que arrinca no c. **3**.

O prólogo fai a presentación da figura central, Xob, e describe o episodio da proba á que foi sometido. O argumento desenvólvese en dous planos, alternantes segundo a acción aconteza na terra (**1**, 1-5. 13-22; **2**, 7-13) ou no ceo (**1**, 6-12; **2**, 1-6).

**1**, 1-5 *Presentación de Xob*. Xob, no hebreo "Iyyob" (do que a través da latinización "iob" vén a nosa nomenclatura), é un nome patronímico cananeo do que se atopa constancia nas cartas do arquivo de Tell-el Amarna. A terra de Us asóciana os arqueólogos á terra de Edom ao S da Palestina, ou ben á bisbarra de Haurán, ao L do Tiberíades; reflicte polo tanto a localización de zonas de nomadismo e denomina máis un clan que un lugar xeográfico.

A cualificación que del se fai está en linguaxe sapiencial: era "tam", home total, íntegro, que ten canto debe ter no seu interior para ser home. Era "vaxar", que procede tamén conforme o dereito, o "Temor de Deus"; e gardaba un comportamento libremente escollido de non facer o mal social.

En xeral a presentación e a súa linguaxe lembran as que a Xénese refire verbo de Henoc e Noé (**5**, 21-24; **6**, 9), outros dous personaxes non israelitas. A figura central preséntase nun ámbito internacionalista e universal, pois o problema a discutir posúe tamén esas dimensións.

**1**, 2-3 Xob non é soamente un home íntegro. Tamén é un home bendito de Deus: a primeira bendición é a dos fillos (cf Xén **1**, 28), en proporción perfecta (7 e 3 son números de perfección e o 10 de plenitude, levando vantaxe os homes); os fillos son maiores de idade, ricos de seu, e viven en harmonía (v. 4). A segunda bendición é a da riqueza (recompensa sapiencial da xustiza).

**1**, 5 O vocábulo "renegar" lese no texto hebreo como "bendicir" (tamén nos vv. **1**, 11; **2**, 5. 9): trátase dun eufemismo posto por man dos copistas, que tiñan reparo na expresión orixinal. Sete fillos, sete festas, sete sacrificios, marcan o paso cun sentimento de totalidade e continuidade.

**1**, 6-12 *Primeira disputa no ceo*. Atopámonos de súpeto nunha sesión da asemblea celeste, á que asisten Iavé (primeira citación do nome; era só "Deus") e os "divinos", que traducimos "anxos", cortesáns ou ministros do séquito celeste, conforme o modelo do panteón cananeo de Ugarit (cf 1 Re **22**, 19; Is **6**, 1-3). De entre eles destaca un, designado co nome de oficio "O Satán". A súa figura lembra a do anxo sedutor da visión de Miqueas en 1 Re **22**, 21, e unha citación semellante atópase en Zac **3**, 1. Pero O Satán non é a figura que encarna o mal que amosara 1 Cro **21**, 1 (Satán xa como nome propio) ou o que o libro grego da Sabedoría chama o "diábolos". Aquí é un membro do consello celeste, especie de controlador (no v. 7 vén de patrullar a terra) e ten a función de fiscal. El é quen propón a dúbida respecto á piedade de Xob. Neste sentido é un desdobramento da figura de Deus, que en textos máis antigos tentaba ao home por si mesmo.

**1**, 13-22 *Primeira proba*. Vv. 13-19: A primeira proba desposúe a Xob das dúas primeiras bendicións: fillos e riquezas. O ritmo reiterativo, mais "in crescendo", dos vv. 14-19 ten toda a forza dramática e cruel da zoupada imprevista.

ron, despois de pasaren polo ferro aos mozos. Salveime só eu para cho contar.
16Aínda non rematara este de falar cando chegou outro a dicir: –Caeu un lóstrego do ceo, e consumiu ovellas e pastores. Salveime só eu para cho contar.
17Aínda non rematara este de falar cando chegou outro a dicir: –Os caldeos, formados en tres bandas, botáronse contra os camelos e leváronos, despois de pasaren polo ferro aos mozos. Salveime só eu para cho contar.
18Aínda non rematara este de falar cando chegou outro a dicir: –Estaban os teus fillos e fillas a xantar e beber viño no pazo de seu irmán o vinculeiro, 19cando velaquí que xurdiu un furacán de máis alá do deserto, e deu polos catro cantos na casa, que caeu sobre os rapaces, e matounos. Salveime só eu para cho contar.
20Daquela ergueuse Xob, rachou o manto, rapou a cabeza, e botándose por terra, prosternouse dicindo:
21–Espido saín do seo da miña nai
e espido a el hei de tornar.
Iavé deumo, Iavé quitoumo:
bendito sexa o nome de Iavé!
22Con todo, non pecou Xob renegando contra Deus.

### Segunda disputa no ceo

**2** 1Foron outro día os anxos presentarse diante de Iavé; chegou con eles tamén Satán e rendeulle acatamento. 2Preguntoulle Iavé a Satán: –De onde vés?
Respondeulle el: –De dar unha volta pola terra.
3Díxolle Iavé a Satán: –E reparaches no meu servo Xob? Home coma el non o hai no mundo, íntegro e xusto, temeroso de Deus e arredado do mal; e aínda se mantén na súa honradez, por máis que ti me teñas incitado contra el para que o remate sen motivo.
4Respondeulle Satán a Iavé: –A pel pola pel! Por salvar a vida dá o home todo canto ten. 5Mais ponlle a man enriba e máncao nos ósos e na carne, e xa habías ver se non te maldí na cara!
6Díxolle Iavé a Satán: –Aí o tes! Fai o que queiras con el, pero respéctalle a vida!

### Segunda proba

7Foise o Satán da presenza de Iavé, e feriu a Xob cunha mala chaga desde a planta do pé ata a coroa da cabeza. 8Collendo unha tella estábase Xob rañando, sentado no medio dunha esterqueira. 9Díxolle a súa muller: –E aínda te mantés na túa honradez? Maldice a Deus, e morre!
10Mais el contestoulle:
–Falas coma unha tola!
Se o bo o aceptamos como de Deus,
non habemos recibir tamén o mal?
E a pesar de todo isto, non pecou Xob cos seus labios.

### A chegada dos amigos

11Souberon tres dos amigos de Xob da desgraza que lle viñera enriba, e saíndo cadaquén do seu lugar –Elifaz o de Temán, Bildad o de Xuh e Sofar de Namat– concertaron de chegar xuntos para lle daren o pésame e consolalo. 12Ao ergueren os ollos desde lonxe e non recoñecelo, deron en chorar botando grandes laios; racharon os mantos e espallaron po por riba das cabezas e cara ao ceo. 13Despois sentaron no chan ao seu carón sete días e sete noites, sen falarlle nin palabra, pois vían canto tiña de inaturable a súa dor.

20-22 A resposta de Xob desenvólvese nun dobre proceso: a) v. 20: os signos obrigados de loito: Rachar a "Me'iláh", xilaba ou capa de dignidade (honor social); rapar a cabeza coa navalla (humillación persoal), laiarse arrolando pola terra (signo de desespero); b) v. 21: o acto de acatamento: prosternación ritual, e repetición dunha pregaria de sometemento.
**2**, 1-6 *Segunda disputa no ceo*. Duplicado da primeira na súa construción, acrecenta na declaración de Deus a afirmación do motivo da proba: a comprobación da honradez. O fiscal contraataca, pondo en cuestión a terceira das bendicións: a persoa de Xob quedaba intacta.
**2**, 7-10 *Segunda proba*. A nova ratificación da integridade de Xob vai precedida dunha constatación sobria do novo mal: a chaga maligna. O termo refírese, na lingua coloquial, a unha serie de úlceras na pel, que poden ser curables (Lev **13**, 18ss) ou incurables (Dt **28**, 27-35). O contexto do epílogo (**42**, 11), coa actitude dos familiares, indica que na lenda primeira non se trataba dunha enfermidade mortal. O poema, polo contrario, entendéraa no sentido dunha lepra tuberculosa que de seu leva aparellada a morte.
**2**, 9-10 A situación de Xob vese agravada pola súbita intervención da súa muller. Esta estraña suplantación de Satán semella outro engadido ao relato primitivo.
**2**, 11-13 *A chegada dos amigos*. En vez de propor a restauración, a narración actual introdúcenos ao coñecemento dos tres personaxes que compartirán con Xob a disputa do poema. Estes tres versos supoñen en consecuencia unha reelaboración, feita polo autor do diálogo, do dato da visita dos familiares que aparece no **42**, 11, do epílogo.
Os nomes e procedencias refiren as orixes edomitas, arameas ou das partes do Líbano; non sería estraño que o autor tentase localizalos en todas as direccións do mundo coñecido, o que indicaría a vontade de universalización do problema que se vai tratar.

# A DISPUTA COS AMIGOS

## Maldición do nacemento

**3** [1]Tras estes feitos abriu Xob a boca, maldicindo o seu día, [2]deste xeito:
[3]–Pereza o día en que nacín
e a noite que dixo: concibiuse un varón!
[4]Que aquel día se troque en tebra!
Non leve conta del Deus desde enriba
nin lle resplandeza a luz da alborada!
[5]Que o reclamen para si sombras de morte,
que pouse enriba del o neboeiro
e que o enchan de medo coas eclipses!
[6]Que a noite o leve á escuridade,
e non o sumen nos días do ano,
nin entre na conta dos meses!
[7]Que unha tal noite fique estéril!
Non haxa nela cántigas de ledicia!
[8]Que a reneguen os que maldín o mar
e os expertos en esconxurar o Leviatán!
[9]Que se lle enfusquen os luceiros do amencer,
que agarde polo sol e non lle saia,
e que non vexa as pálpebras do abrente!
[10]Pois non pechou as portas do ventre
nin dos meus ollos afastou a coita.

## Nacer morto

[11]Por que non morrín eu fóra do seo,
ao saír do útero non expirei?
[12]Por que me atoparon uns xeonllos
e por que houbo peitos dos que mamase?
[13]Pois agora durmindo descansaría
e no meu sono xa tería acougo,
[14]xunto cos reis e ministros do país
que se constrúen mausoleos
[15]ou cos príncipes que recadan ouro,
e encheron de prata os seus pazos.

**3-27**; **29-31** *A disputa cos amigos*. Co c. **3** penetramos noutro mundo espiritual, relixioso e literario, diverso ao do prólogo. Pasaran varios séculos desde a existencia da lenda narrativa, e nese paso o cambio social supuxo dunha banda a perda de autoridade das ideas antigas de fe, implicando a emancipación dos círculos sapienciais, que saíron da seguridade das ordenanzas cúlticas e sacrais á procura dunha identidade propia. Doutra banda dérase no interior da escola un corremento desde posicións de tradicionalismo repetitivo ata acadar un grao de reflexión libre persoal. Engádase a isto a individualización da idea da retribución que proporcionou a experiencia do exilio (cf Ezequiel) e ficará situado o talante do autor.

A disposición dos cc. do debate descobre un intento de estruturación harmónica: dous monólogos (cc. **3** e **29-31**) encadran tres ciclos de diálogo (cc. **4-14**; **15-21**; **22-27**) nos que alternativamente van falando os tres amigos por orde, e Xob vai respondendo. A meirande parte do texto corresponde ás intervencións de Xob (os discursos dos amigos non chegan a representar os dous terzos dos versos dedicados ás respostas de Xob).

**3**, 3 *Maldición do nacemento*. O salto da narración serena á poesía apaixonada faise por medio dos dous primeiros versos, que entran en contradición co dito en **2**, 10. Unha serie de procedementos literarios formais (esconxuro, lamento, acusación) foron integrados nunha creación orixinal e independente con finalidade reflexiva, e cualificable de monólogo interno. O monólogo articúlase nunha estrutura de tres seccións: vv. 3-10; vv. 11-19; vv. 20-26; correspondentes a contidos diversos, mais tamén a un moi requintado emprego de recursos estilísticos.

**3**, 5 Escóllese a tradución "reclamar" no posto do habitual "lixar", que non di ben coas imaxes do contexto. No mesmo verso fálase de eclipses diúrnas e non do "amargor do mar" dalgunhas versións.

**3**, 8 Debe lerse "iam" (= mar), e non "iom" (= día), polo paralelismo coa figura mítica do monstro mariño Leviatán, símbolo do caos. O verso alude aos procedementos máxicos de convocatoria de forzas infernais.

**3**, 11-19 *Nacer morto*. A imaxe do seo materno do v. 10a percorre toda a sección presente, coloreada pola forma dunha lamentación individual. Por razón de sentido convirá traspor o v. 16 para despois do v. 11, xa que no seu posto actual interrompe a lectura. Dese xeito restan: tres versículos con preguntas lamentativas (vv. 11. 16. 12); tres que expoñen o desexo de acougo no xeol (vv. 13-15); e outros tres que ilustran a fin das inxustizas no alén (vv. 17-19).

16 Ou ben xa coma un aborto non vivise,
coma os meniños que non ollan a luz.
17 Alí remata o rebulir dos impíos
e repousan tamén os esgotados.
18 Xunto con eles os encadeados cobran folgos,
xa non senten os berros do capataz.
19 O pequeno e o grande alí son un
e o escravo fica ceibe do seu dono.

**O cerco de Deus**

20 Por que lle deron ao coitado a luz
e a vida ao corazón amargado,
21 aos que desexan a morte e non lles vén,
que sachan por ela coma por un tesouro;
22 aos que se alegran coa cova
e reloucan ao atoparen unha tumba;
23 ao home a quen lle choen o vieiro
e arredor del é Deus quen fai o valo?
24 Pois en vez do meu pan veñen salaios
e os meus saloucos flúen coma auga.
25 O que máis eu temía veume enriba
e o que máis me angustiaba, iso atopoume.
26 Non teño xa sosego nin acougo;
non teño paz; asoballoume o desasosego!

## CICLO DA PRIMEIRA DISPUTA

**Elifaz**

**4** 1 Respondeu Elifaz o temanita:
2 –Se un se atreve a falarche, aturarílo?
Mais quen pode xa frear as palabras!
3 Velaí, ti que ensinaches a moitos
e reforzaches tantos brazos febles,
4 que erguiches coas túas palabras aos caídos,
e sostiñas os xeonllos que amolecían,
5 cando che afecta a ti, xa non o sofres;
tócache a ti e túrbaste.

**3**, 20-26 *O cerco de Deus*. Do laio individual faise unha transición xeneralizadora ao laio colectivo (vv. 20-23). Con isto o problema persoal de Xob acada dimensión humana universal.

**3**, 23 A verba que designa a Deus non é o nome israelita de Iavé, que en todo o debate non torna agás en **12**, 9 como citación, o que por certo é discutido; cítanse aquí e nos pasos restantes os nomes de "El", "Eloah", "Xadai", nomes arcaicos e poéticos cos que, ademais de evitar o emprego do nome de Iavé na boca de estranxeiros, acentúase a referencia á "divindade" máis ca ao Deus da historia salvífica. Para a exposición do problema de Xob abondáballes aos sabios coa alusión ao monoteísmo.

**4-14** *Ciclo da primeiro disputa*. Á luz das afirmacións formuladas ou implícitas no monólogo do c. **3** xorde a sección dialogada do poema (cc. **4-27**), articulada en tres roldas de intervencións nas que sucesivamente falan os tres amigos, Elifaz, Bildad e Sofar (por esta orde), e cada un recibe unha resposta de Xob. A serie non queda clara para o ciclo terceiro, por razóns de mala conservación do texto.

No ciclo primeiro (cc. **4-5**: Elifaz; cc. **6-7**: Xob; c. **8**: Bildad; cc. **9-10**: Xob; c. **11**: Sofar; cc. **12-14**: Xob) os tres amigos formulan unha mesma tese acompañándoa doutras consideracións (incitación á humildade, ao arrepentimento, á esperanza, á corrección). Nun diálogo de xordos, as respostas de Xob corren en certo modo paralelas, enxergando a descrición da súa dor e a reflexión sobre a condición humana, cunha progresiva vontade de enfrontamento xurídico con Deus nun preito de igual a igual, de onde xorde a verdade.

**4-5** *Elifaz*. Arrincando cun ton coloquial, o primeiro interlocutor tenta saír ao encontro da acusación feita por Xob, baseando a defensa da tese tradicional nunha argumentación tirada da autoridade da visión profética.

Os vv. 17-21 refírense á audición, que tenta dar unha explicación á infelicidade de Xob. Desenvolvida nos termos universais da "condición do ser humano", salienta a distancia inalcanzable entre o Deus creador e a criatura feita de barro.

6Non é entón a piedade a túa fianza
e a túa esperanza o teu vivir honrado?
7Fai memoria: quen sendo inocente morreu?
Onde se viu que perecesen os xustos?
8O que eu vexo é que os que labran malicias
e os que sementan coitas, tamén as colectan:
9co sopro de Deus logo esmorecen,
coa treboada da súa ira consómense.
10Urra o león e brada a cría,
os dentes dos cachorros son quebrados.
11Morre o león sen atopar presa
e esparéxense as crías da leoa.
12Chegoume ás agachadas unha verba,
percibiu o meu oído o seu murmurio,
13nun pesadelo, nas visións noitébregas,
cando cae o sopor sobre os homes.
14Achegáronseme o pavor e o temor,
treméronme de medo os ósos todos.
15Un espírito pasou diante de min;
arrepiáronseme na pel os pelos.
16Estaba alí –eu non o coñecía–
unha figura diante dos meus ollos;
fíxose a calma; entón oín a voz:
17"Terá un home máis razón ca Deus?
Será máis puro o humano ca quen o fixo?".
18Se aínda dos seus servos El non fía
e atopa erros mesmo nos seus anxos,
19canto máis nos que moran en casopas de lama
e que teñen no po os seus fundamentos,
que se poden esmagar coma a traza!
20Entre a mañá e a noite son esmagados,
morren para sempre sen se decataren;
21arríncanlles tamén as cordas da tenda;
perecen sen saberen como!

**5** 1Chama a ver quen che responde!
A que santo te vas ofrecer?
2Pois é a carraxe a que mata ao tolo
e a envexa a que dá morte ao parvo.
3Vin eu un tolo botar raigañas,
pero de súpeto podreceulle o casal;
4os seus fillos non teñen axuda:
asobállanos no tribunal da porta
sen ninguén que os defenda;
5un famento calquera cómelles a colleita
roubándollela por entre os toxos,
e os sedentos zúganlles os seus bens.
6Pois non agroma de entre o po a maldade
nin é que a desgraza xermole da terra;
7máis ben é o home quen nace para a desgraza,
como reloucan as faíscas no aire.
8Eu no teu lugar rogaríalle a Deus,
poría a miña causa nas súas mans.
9El é quen fai o grande, o insondable,
el fai milagres sen conta;
10quen bota a chuvia sobre a face da terra
E manda as augas sobre os terróns;

[11]pon no alto os humildes
e os tristes achan nel o seu acougo.
[12]El desfai as matinacións dos arteiros
para que as súas obras non logren o éxito.
[13]El enreda os sabidos nas súas artes
precipitando os plans dos falsarios:
[14]é polo día, e van dar nas tebras;
é mediodía, e apalpan coma á noite.
[15]El salva o pobre dos labios coma espadas,
e da man do poderoso.
[16]O coitado gaña nova esperanza
e tápaselle a boca á iniquidade.
[17]Benia o home a quen Deus corrixe:
non rexeites a proba do Omnipotente!
[18]Porque se el fere, tamén pon a venda;
se che dá un golpe, a súa man sándao.
[19]Hate librar de seis calamidades
e na sétima o mal xa non te atinxe;
[20]nunha gran fame céibate da morte
e na guerra, do fío das espadas;
[21]do azoute da lingua haste reparar,
non terás medo ao estrago, se é que chega;
[22]rirás do estrago e mais da fame,
non temerás as feras da campía;
[23]terás concerto cos espíritos das agras
e paz coas feras da fraga;
[24]saberás o que é paz na túa tenda;
percorrerás os eidos sen botares cousa en falta;
[25]ollarás como medra a túa familia,
será a túa proxenie coma o grelar das leiras;
[26]e baixarás rufo á cova na vellez,
cal van dar no celeiro os monllos ao seu tempo.
[27]Isto é así, que o temos pescudado;
xa o escoitaches: agora dálle voltas.

**Xob**

**6** [1]Resposta de Xob:
[2]–Oxalá que se pesase a miña dor
e se amoreasen as miñas mágoas na balanza!
[3]Pesarían máis ca as areas dos mares:
por iso desvaría a miña lingua.
[4]Pois levo en min as frechas do Poderoso
e o meu ánimo bebe o seu veleno.
Érguense contra min os terrores de Deus.

**5**, 23 Os *espíritos das agras* son os pequenos trasnos maléficos do mundo cananeo que poden botar o meigallo sobre as colleitas.
**5**, 27 Pescudar, dar escoita, cavilar para un, son os pasos da metodoloxía de apropiación dunha doutrina nova na mente dos sabios.
**6-7** *Xob*. Ergue Xob a voz na súa primeira intervención de resposta, afirmando o seu dereito a falar e facéndoo nunha tripla liña: de laio pola situación de inxustiza sufrida (**6**, 2-13), de dura reconvención aos amigos (**6**, 15-30), de cuestión e protesta feita a Deus (**7**, 1-11. 12-21). O ton xeral é o do discurso de defensa diante da asemblea, mais nel mestúranse elementos sálmicos, de laio individual e colectivo, de disputa escolar, e motivos sapienciais populares.
**6**, 4 *Poderoso* traduce a denominación de posible orixe babilónica "Xadai" ("Deus da montaña" ou "Señor Altísimo" segundo diversas etimoloxías), o que salienta a omnipotencia e afastamento da divindade; o nome aparece no libro 31 veces.
Aquí interpreta a intervención definitiva de Deus coma un xesto de misericordia, que demostraría a autenticidade de Xob en canto testemuña fiel. Algúns comentadores considérano unha glosa polo emprego que fai da designación "Santo", que non reaparece no poema.

[5]Ponse o burro a ornear cando ten herba?
Ou brúa o boi diante do seu penso?
[6]Quen xantará sen sal o manxar insulso?
E que gusto ten o zume dunha herba?
[7]Repúgnalle á miña gorxa nin sequera tocala
pois é para min coma un xantar impuro.
[8]Oh se chegase a porto a miña demanda
e o Señor concedese aquilo no que espero!
[9]Decídase por fin Deus a esnaquizarme,
retire a man e tronce xa o meu fío!
[10]Iso sería para min un consolo;
reloucaría ledo a pesar desta dor sen piedade,
pois non tería eu renegado das palabras do Santo.
[11]Que forzas teño xa para me soster?
Cal será o meu remate, para eu ter folgos?
[12]Teño por caso a dureza dos penedos?
Son de bronce as miñas carnes?
[13]Nada hai en min que me poida axudar
cando é a mesma sorte a que me foxe.
[14]Un home non lle nega a boa lei ao seu amigo
nin refuga o temor do Omnipotente!
[15]Mais os meus irmáns traizoáronme coma a enxurrada,
coma os regueiros cando rebordan a canle,
[16]baixando revoltos coa xeada
cando neles se fundiu a neve;
[17]pero que desaparecen no tempo da seca,
e en canto chega a calor, enxoito queda o seu leito.
[18]Torcen as caravanas a súa rota,
pérdense no deserto e perecen;
[19]as caravanas de Temán procúranos,
contan con eles os beduínos de Sabá;
[20]confundidos pola longa espera
chegan alí, e atópanse enganados.
[21]Deste xeito fostes vós para min,
ollastes o espanto e deuvos medo.
[22]Pedinvos eu que me deades nada
ou que paguedes suborno do voso peculio,
[23]ou que me libredes do meu inimigo,
ou me rescatedes da forza dos tiranos?
[24]Ensinádeme vós, e eu calarei!
Aclarádeme no que ande errado!
[25]Como non aceptar un discurso sincero?
Pero que valor pode ter unha corrección da vosa boca?
[26]Estades aparellando verbas para aldraxar?
Non contan as razóns dun home sen esperanza?
[27]Vós sodes capaces de botar sortes por un orfo
e mesmo de relear por un veciño!
[28]Agora estade quedos e escoitádeme:
Xuro que non vos estou mentindo na cara!

**6**, 14 É unha glosa adicional que reflexiona casuísticamente sobre o abandono dos amigos; outra tradución posible sería: "No que se refire ao home que descoida a solidariedade cun amigo, ese tal abandona tamén a relixiosidade". Nas dúas versións xónguese a relación ao próximo coa relixiosidade, coma dúas caras dunha mesma actitude fundamental.

**6**, 15 *Irmáns* refírese nun sentido amplo a toda a parentela e achegados.

**6**, 27 Ten todo o aire de ser un engadido posterior, polo estilo tópico da expresión e polo inmotivado da acusación.

[29]Deixade a teima, non suceda outra desgraza!
Abonda xa, que aínda está en xogo o meu dereito!
[30]Hai mala lei na miña lingua?
Non distingue as razóns o meu padal?

**7** [1]O home ten na terra un duro labor;
os seus días son coma os do xornaleiro.
[2]Coma o escravo que arela a sombra,
coma o xornaleiro que agarda o que gañou:
[3]así herdei eu meses baldeiros
e tocáronme en sorte noites de angustia.
[4]Penso para min ao deitarme: cando me hei erguer?
e desde o mesmo serán énchome de inquedanza ata o abrente.
[5]Vestiuse a miña carne de vermes, dunha cotra de terra;
a miña pel regaña e supura.
[6]Os meus días correron máis axiña que a lanzadeira de tecer
e foxen sen esperanza.
[7]Recorda ben que a miña vida é vento,
e que o meu ollo non verá máis a ledicia!
[8]Pois non me dará visto un ollo humano,
e cando ti me espreites, xa non estarei.
[9]Coma unha nube que se desfai e pasa,
así non sobe o que baixa para o xeol.
[10]Non volverá de novo aos seus eidos
e o seu lar non saberá máis del.
[11]Non hei, por iso, de pórlle freo á boca,
e falarei con ánimo angustiado;
voume laiar desde o amargor da alma:
[12]Son eu o mar ou o dragón mariño
para que poñas vixía contra min?
[13]Cando penso: vaime aliviar o leito,
a miña cama amainará o meu choro,
[14]vés ti e arrepíasme cos soños,
espántasme con visións de pesadelo;
[15]tal que case escollera eu morrer aforcado
e prefiren a morte os meus ósos.
[16]Xa estou canso! Non vou vivir para sempre:
Déixame xa, que son un sopro os meus días!
[17]Que é o home para que tanto o consideres,
para que del así te ocupes,

**7**, 1-21 O verdadeiro contrincante de Xob non son os amigos, senón Deus. A el vai dedicado todo o c. 7, que amorea motivos de laios e reflexión nunha linguaxe elexíaca chea de imaxes poéticas e realistas, desaparecendo as formas escolares.
**7**, 1-6: Brevidade dos días vividos e esperanza fuxidía (vv. 1. 2. 6) articulan a consideración xeral sobre o ser humano, xornaleiro, escravo a tempo nun traballar a reo e pola forza ("sabá" é un servizo obrigado, militar, de prestación ou forzado; neste caso o contexto alude ao traballo agrícola). A enfermidade é descrita cos tons particulares utilizados en textos babilónicos referíndose á lepra.
**7**, 6 Outra versión pode ser: "E ao rematar o fío, desaparece".
**7**, 7-11 Xob, o home, é nube e vento. O diálogo con Deus, xa iniciado no v. 1 (ao pé da letra: "Non ten por caso...?"), faise agora directo.
**7**, 12-16 Se o v. 7 tiña a forma literaria dos salmos de súplica, co v. 12 volvemos ao *rib* e ao ton das disputas. A primeira protesta reza: por que non deixas ao home en paz? E vai formulada con motivos da loita mítica contra o Caos, representado nos monstruosos Iam e Tanim, encarnacións mitolóxicas da forza do mar nos textos cananeos. O que Deus fai é erguer un "mix amar", valado co que se cingue unha cidade antes do asalto (cf Xer **51**, 12). O ataque é interior, por medio de pesadelos (v. 14). A sensación de angustia abafante fai desexable morrer afogado (v. 15; xa no paso **6**, 8-10 tomara corpo o desexo da morte). No v. 16 a exclamación inicial é considerada como posible glosa por algúns, mais di ben co remate do verso, entre protesta e súplica.
**7**, 17-21 A segunda sección dos porqués móvese nos vv. 17-18 entre a pregaria e a súplica (cf Sal **8**) e no lamento do acusado, dos vv. 19-21. A idea do control cotián domina os dous primeiros vv. acerca da condición do home en xeral. Nos seguintes intervén a idea da culpa como concesión, pero non como argumento. A imaxe do Deus guerreiro, da carga e das frechas de **6**, 3. 4 reaparecen no berro apaixonado que é a resposta de Xob.

18 para que o poñas á proba cada mañá,
para estares controlándoo a cada intre?
19 Cando vas tirar a vista de riba de min
e me deixarás sequera tragar o cuspe?
20 Se por caso pequei, que é o que che fixen a ti, Garda-homes?
Para que me apuntas coma un branco?
Por que son para ti unha carga?
21 Por que non perdoas a miña culpa
e deixas pasar o meu pecado?
Entón podería deitarme no po
e por máis que me procurases, xa non existiría.

**Bildad**

**8** 1 Pola súa parte díxolle Bildad o xuhita:
2 –Ata cando falarás deste xeito
e van ser as túas razóns un vento arroutado?
3 Ía Deus torcer o dereito?
Pode o Omnipotente virar a xustiza?
4 Se os teus fillos pecaron contra El,
xa os deixou na man do seu crime.
5 Mais se ti voltas cedo a Deus
e se lle rogas mercé ao Omnipotente,
6 se estás limpo e es xusto,
velará El sobre ti,
restaurará o casal ao que tes dereito.
7 Daquela os teus comezos semellarán pequenos
e o teu futuro crecerá en moito.
8 E se non, inquíreo dos devanceiros
e procura no que dexergaron seus pais;
9 pois nós somos de onte e non sabemos
e os nosos días son coma a sombra no chan.
10 Pero eles ensinaranche e contaranche,
farán xurdir da súa sapiencia as palabras.
11 Xermola o papiro fóra do lameiro?
Medra o vimbio sen auga?
12 Aínda en gromo e sen cortar,
antes doutras herbas esmorece.
13 Tal é o vieiro dos que esquecen a Deus,
tal se perde a esperanza dun malvado.
14 A súa confianza está posta no po
e a súa esperanza nun fío de araña.
15 Afincase na súa casa, e non se ten en pé;
afírrase nela, e non se mantén.
16 Móstrase cheo de zume cara ao sol,
bota bacelos polo seu horto;
17 enreda as raigañas polas pedras,
apóiase nas rochas.
18 Pero se o arrincan do seu posto,
este renega del dicindo: "Non o vin xamais".

**8** *Bildad*. Se a intervención de Elifaz afincaba a argumentación na visión profética, esta segunda colle como argumento de autoridade a tradición dos sabios. O falante non insiste nos reproches; o seu discurso é, se cabe, máis doutrinal e dogmático.

**8**, 2-10 Bildad propón dúas cuestións, unha "ad hominem" (v. 2), outra representando a tese escolar da xustiza de Deus na retribución (v. 3). A resposta corrobora a tese pola constatación dela no caso dos fillos (v. 4), pola posibilidade de reparación e restauración de Xob mediante a conversión do mal (vv. 5-7), pola autoridade do testemuño dos devanceiros e a unanimidade da tradición (vv. 8-10).

**8**, 11-19 Insírese aquí unha instrución exemplar sobre a sorte dos impíos na súa breve vida. Comparanza chea de metáforas do impío coa grama ou a edra silvestre. No v. 14a, en vez de "fianza" pódese tamén ler "fíos do verán", ramallos ou zume callado pola quentura do sol.

19 Tal é o remate do seu ledo camiño,
e outra planta vén xermolar na terra.
20 De xeito que Deus non refuga o íntegro,
como non aferra tampouco a man dos impíos.
21 Pode El aínda encher os teus beizos de sorriso
e os teus labios de aturuxos.
22 Daquela irán os teus inimigos cubertos de vergonza;
ollas cara a tenda dos impíos, e esta esvaeceu.

**Xob**

**9** 1 Respondeu Xob:
2 –Abofé, ben sei que é así;
pois que dereito podería ter un home ante Deus?
3 Se se puxese a preitear con El,
non lle sabería responder unha cousa entre mil.
4 Deus é de sabio entender e moi potente,
quen, tras facerlle fronte, lle vai ficar parello?
5 El é quen abala os montes sen que se dean conta,
pois conmóveos na súa carraxe;
6 quen remexe a terra no seu alicerce,
e as súas columnas abanean.
7 Dálle unha orde ao sol, e xa non sae;
encerra as estrelas baixo selo.
8 El só tende os ceos
e camiña polo lombo do mar.
9 Fixo a Osa e o Orión
as Pléiades e as Cámaras do Sur.
10 El fai cousas egrexias insondables,
e milagres a non contar.
11 Se viñese onda min, non o vería;
se pasase ao meu carón, non me decataría.
12 Cando El repaña, quen llo fai tornar?
Quen lle vai dicir: "Para que fas isto?".
13 Deus non ten ninguén por quen reter a súa ira.
Debaixo del humíllanse os axudantes de Rahab.
14 Pero quen son eu para lle dar resposta
e para escoller contra El as miñas razóns?
15 Aínda que estivese eu no certo, non se dignaría responder:
Sería rogarllo ao meu acusador!
16 E se o citase a preito e respondese,
non creo que escoitase os meus laios.
17 Asaltaríame coa treboada;
amorearía sen motivo as miñas feridas;
18 Non me soltaría nin para coller folgos,
enchería a miña alma de amargura.
19 Se é cousa de poder: El é o máis forte!
Se é cuestión dun xuízo: quen o chama a dar testemuño?
20 Pois aínda que eu fose inocente, habíame condenar a súa boca;
aínda que eu apareza como honrado, habíame considerar perverso.

**9**, 1-20 Unha primeira razón fai presente a imposibilidade dun preito xusto do home con Deus (v. 2).
Nos vv. 5-10 o autor utilizou un himno que ilustraba o poder de Deus. Os motivos, frecuentes nas teofanías dos salmos e dos profetas (cf Am **4**, 13; **5**, 8; **9**, 5s) poden pertencer sen máis ao acervo cultural dos sabios, coñecedores de todas as literaturas contemporáneas e curiosos dos fenómenos da natureza.

**9**, 8 *Lombo do mar* pode aludir á mitificación deste ser como animal monstruoso na literatura de Ugarit. O mesmo se di da figura de Rahab no v. 13, emparentada cos Leviatán, Tanim, etc. procedentes dos mitos cosmogónicos mesopotámicos (cf Xob **7**, 12).

[21]Son inocente! Que me importa xa da miña vida?
A mesma existencia dáme noxo.
[22]Que máis me ten! E por iso, eu afirmo:
El destrúe do mesmo xeito ao inocente e ao culpable.
[23]Cando unha desfeita súbita sementa mortes,
búrlase El das mágoas dos coitados.
[24]Deixa o país na man dos opresores,
encobre o rostro dos xuíces.
Se non é El, entón quen é?
[25]Os meus días correron máis ca un mensaxeiro
fuxiron de min sen probar a boa vida.
[26]Esvararon coma canoas de xunco,
como se lanza a aguia sobre a presa.
[27]Se penso: Vou esquecer a miña teima,
vou pór boa cara e animarme,
[28]amedóñanme tantas desfeitas;
ben sei eu que non me declaras inocente.
[29]E se fose culpable
para que cansarme en balde?
[30]Se me lavase con auga de xabón
e limpase con lixivia as miñas mans,
[31]debozaríasme na lama
e daríame noxo o meu vestido.
[32]Pois non é El un home coma min para dicirlle:
"Imos xuntos a xuízo";
[33]non existe un árbitro entre nós,
que pouse a súa man sobre entrambos.
[34]Que aparte de min a súa aguillada
e que o seu terror non me espante!
[35]Daquela falareille sen medo,
pois non é recto o que fai comigo.

**10** [1]Dáme noxo a vida,
vou dar ao vento o meu laio,
hei falar con corazón amargo.
[2]Heille rogar a Deus: "Non me condenes!
Faime saber cal é a túa causa contra min!
[3]Coidas ti que está ben oprimíresme,
e rexeitar a obra das túas mans,
mentres favoreces as matinacións dos impíos?
[4]Tes ti ollos de carne?
Ves ti as cousas como as ven os homes?
[5]Son os teus días coma os dos humanos?
Son os teus anos coma os do home?
[6]Ti, que estás a pescudar na miña tacha,
que esculcas o meu pecado,
[7]por máis que me sabes non culpable
e que ninguén se ceiba das túas mans!

**9**, 21-35 Da consideración do actuar de Deus en xeral, Xob pasa a considerar o seu caso. Faino polo procedemento formal de presentación de causa diante do tribunal da porta: 1) Confesión da propia inocencia (v. 21). 2) Afirmación da culpa allea (v. 22). Por vez primeira comparece nestes versos a intención fonda de Xob, a de buscar unha arbitraxe de ti a ti con Deus, na que este non sexa xuíz e parte.

**9**, 25 Faise mención do mensaxeiro real, especie de correo persoal.

**9**, 33 O xesto de pór a man no ombreiro de dous preiteantes, incluía o recoñecemento do dereito dos dous a falaren en pé de igualdade.

**10**, 1-22 Prosegue o ton procesual, pasando da presentación en terceira persoa do capítulo anterior á segunda da acusación típica, dun acareo.

[8]Esas túas mans fixéronme na olería,
todo me moldearon, e vasme agora aniquilar?
[9]Lémbrate que me moldeaches de arxila
e que me has tornar ao po!
[10]Non me vertiches ti coma o leite
e coma o queixo me callaches?
[11]Vestíchesme de pel e carne
tecíchesme con ósos e tendóns;
[12]déchesme a vida, tivéchesme boa lei;
o teu coidado gardaba o meu espírito.
[13]E con todo, acochabas isto na túa mente!
Agora sei cal era a túa teima!
[14]Estabas a axexar por se eu pecaba
para non me deixar ir absolto.
[15]Se teño culpa, pobre de min!,
e aínda inocente, non erguerei a testa,
farto de aldraxes e bébedo de coitas.
[16]E se a erguese, cazarasme coma león,
renovando fazañas contra min.
[17]Repós contra min as túas testemuñas,
multiplicas cara a min a túa carraxe,
acotío renovas as tropas que me atacan.
[18]E logo, por que me tiraches do ventre?
Mellor que morrese e que ninguén me ollase!
[19]Sería igual que se nunca existise:
conducido desde o ventre para a cova.
[20]Non son xa poucos os meus días de vida?
Déixeme El en paz para que relouque un intre
[21]antes de que parta sen retorno
para o país das tebras e a negrume mortal
[22]para a terra da escuridade máis noitébrega,
sombra da morte, arredada da orde,
onde o mesmo alumar é tebra!".

**Sofar**

**11** [1]E Sofar o namateo empezou a dicir:
[2]–Vai ficar sen resposta tal falabarato?
Vai levar a razón o leriante?
[3]Vai silenciar aos demais o teu latricar?
Habíaste de mofar sen que ninguén se opoña?
[4]Ti ben que dixeches: "A miña doutrina é limpa,
estou diante de ti coma home puro".
[5]Mais oxalá Deus falase
e abrise os seus labios contra ti!

**10**, 1-2 Estes vv. prolongan o discurso de acusación de Xob. Este inicia o acareo pedindo a absolución (v. 2a) cunha frase de fórmula xurídica (exactamente: "Non me sentencies culpado"); doutra banda, esixe que o contrincante pormenorice a causa.
**10**, 8-12 As mans suxiren a Xob o desenvolvemento do motivo da fabricación do home, amosando a contradición entre a súa fe no Deus creador (vv. 8-11) e conservador (v. 12) e a experiencia propia.
**10**, 8-9 Metáfora de Deus como oleiro, que coñecemos por Xén **2-3**; Sal **119**, 73; Ecl **11**, 5.
**10**, 10-11 O xurdir da vida no seo materno igual ca no Corán, pénsase en termos de leite callado (Sab **7**, 2 descríbeo con máis realismo), e coma un traballo de entretecido de ósos e carne (cf Ez **37**, 5-8; Sal **139**, 13. 15).
**10**, 13-17 Se Xob é inocente, Deus actúa inxustamente.
**10**, 15-16 Erguer a testa (vv. 15. 16) é o xesto co que o acusado recibe a sentenza absolutoria.
**10**, 18-22 O capítulo remata no ton do laio individual centrado no desexo da morte (cf **3**, 11ss; **6**, 8ss; **7**, 5), que recolle motivos do monólogo do c. **3**.
**11** *Sofar*. Tornamos ao debate cunha nova voz que se ergue na defensa do misterioso e sapiente obrar de Deus, e recolle motivos típicos da instrución sapiencial e dos salmos. O procedemento empregado é sutil, e consiste en enfrontar a Xob coa súa ignorancia, presentándolle a lei da retribución dun xeito personalizado e positivo, co que poida identificarse, e dando o negativo en terceira persoa como falando de alguén que non é Xob.

6Mostraríache os misterios da sabedoría,
pois ten moitos aspectos o saber;
decataríaste entón de que xa tolleu parte da túa culpa.
7Podes ti, por caso, dexergar o profundo de Deus?
Poderaste achegar ata os confíns do Omnipotente?
8É máis alto ca o ceo: que lle vas facer ti?
Máis fondo ca o xeol: que podes ti saber?
9É máis longo que a terra;
é máis ancho ca o mar.
10Cando El pasa a conta, encadea
e chama a xuízo, quen o disuadirá?
11Coñece ben á xente falsa;
olla a iniquidade sen que ninguén o albisque.
12Pero o home tolo recobrará o seu siso
cando o onagro montés naza desbravado!
13Mais se ti entras en razón
e estendes cara a El as túas mans,
14se arredas o mal das túas palmas
e non acubillas na túa tenda a ruindade,
15poderás erguer a fronte sen tacha,
afincarte no chan sen ter medo.
16Daquela esquecerías as túas mágoas;
recordaríaste delas coma de auga pasada.
17Coma o mediodía xurdiríache a vida
e mesmo a tebra trocaríase en abrente.
18Poderás entón confiar, porque existe esperanza,
ollar ao teu arredor, e adormecer acougado,
19pousarte sen que ninguén te espante;
e haberá moitos que veñan gañar o teu favor.
20Mais os ollos dos impíos devecen:
perdéuselles o refuxio,
quédalles coma esperanza soamente o expirar.

**Xob**

**12** 1E Xob respondeulle:
2–Vós si que sodes xente!
Convosco vai morrer a sabedoría!
3Tamén eu teño siso coma vós;
non vos son menos.
Quen non sabe todo isto?
4Mais vin ser a burla do veciño,
eu, un que chamaba a Deus e El me escoitaba,
o xusto e íntegro, son motivo de escarnio.
5Sobre o caído, aldraxes –pensa o que está seguro–;
dándolles o que lles convén aos de pé vacilante.
6Pero, mentres, as tendas dos ladróns están en paz
e teñen seguridade os que alporizan a Deus,
os que levan o seu Deus na man.
7Inquire logo ás bestas, e elas ensinaranche;

**11**, 6 O tema da misteriosa sabedoría inserida no mundo e do seu coñecemento só por Deus, corresponde a unha das etapas da reflexión dos sabios, que aparece en Xob **28**; Pr **3**, 13-20; **30**, 3-4; e reproducida en textos posteriores.
**11**, 12 É un refrán de non doada tradución; outra versión posible é: "Cando o onagro poida ser instruído".
**12-14** *Xob*. A última resposta de Xob neste ciclo primeiro, concentra, nunha sucesión característica, todos os elementos aparecidos nas súas intervencións anteriores: a) Contra-argumentación e desprezo dos contrincantes, exhortándoos a entendelo na súa exposición (**12**, 1-**13**, 3 e **13**, 4-19); b) Enfrontamento dialogal con Deus e reflexión sobre a miseria humana (**13**, 20 - **14**, 22).
A versión é conxectural, semella ilustrar axeitadamente a opinión tradicional que vinculaba desgraza e culpabilidade.

e ás aves do ceo, que cho han contar;
[8]ou aos bechos do chan, e daranche leccións;
hante informar mesmo os peixes do mar!
[9]Quen non sabe destes seres
que foi a man de Deus quen os fixo?
[10]Pois na súa man está a alma de canto vive
e o espírito do corpo de cadaquén.
[11]Non é o oído o que distingue as palabras?
Non é o padal o que saborea a comida?
[12]Non anda entre os vellos o saber
e o entendemento por entre os anciáns?
[13]Pois El ten a sabedoría e o poder,
ten o consello e mais a intelixencia!
[14]Se El bota abaixo, non hai quen constrúa;
se pecha, non hai quen abra.
[15]Se contén as chuvias, sécase todo;
pero déixaas ir, e revolven a agra.
[16]Ten El a forza e mais o éxito,
son seus o enganado e o que engana.
[17]El é quen fai tolear os ministros,
volve parvos os gobernadores,
[18]solta as insignias dos reis
e cínguelles os lombos cunha corda;
[19]fai correr nus aos sacerdotes,
trabuca aos aristócratas,
[20]deixa sen fala aos especialistas,
quítalles o bo sentido aos anciáns,
[21]verte a vergonza sobre os nobres
e afrouxa o cinto dos valentes.
[22]Descobre cousas máis fondas ca as tebras
e fai xurdir a luz da sombra máis escura.
[23]Fai grandes aos pobos ou estrágaos;
fai que as nacións prosperen ou desaparezan.
[24]Tíralles a razón aos xefes
e extravíaos por desertos sen vieiros;
[25]van atoutiñando nas tebras sen luz
a fainos andar ás toas coma bébedos.

**13** [1]Todo iso xa o viron os meus ollos,
escoitárono os meus oídos, e caín ben na conta.
[2]O que saibades vós, tamén o sei eu,
que en nada vos son menos.
[3]Pero quen me dese falarlle ao Omnipotente!
O que eu desexo é discutir con El.
[4]Vós sodes, abofé, uns leriantes,
falaces menciñeiros todos vós.
[5]Quen me dese que caledes dunha vez:
vindo de vós, sería gran sabedoría!
[6]Oíde, por favor, o meu agravio!
Entendede a disputa dos meus labios!

Os vv. 4c e 6c poderían ser glosas explicativas, polo seu aspecto repetitivo; o v. 6c, se cadra, inspirouse no tema "man" dos vv. 9. 10. "Man" significaba tamén poder e control.

**12**, 7-8 A serie *bestas-aves-bechos-peixes* corresponde á ciencia das listas e abrangue todo vivente animado.

**12**, 22. Este verso non alude ao contexto político, é unha glosa suxerida polas verbas "tebras-luz" do v. 25 e polo ton hímnico do fragmento.

**13**, 4-19 A sección é unha crítica diáfana dos presupostos e intereses subxacentes nunha relixiosidade de finxida seguridade e ortodoxia que se xustifica a si mesma.

7Ides defender a Deus con falsidades,
pronunciándovos no seu favor con engano?
8Ides darlle vantaxe
ou tomar partido ao seu favor?
9Sentaríavos ben que El vos sondase?
Coidades de entrampalo, como se fai cos homes?
10Por certo que vos había zorregar,
se o queredes favorecer ás agachadas!
11Non vos arrepía a súa maxestade?
Non cae o seu medo sobre vós?
12 Os vosos ditos son refráns borrallentos,
e as vosas defensas, escudos de arxila.
13Estádeme calados! Vou falar eu,
e que sexa o que queira!
14Collerei cos meus dentes a miña carne
e levarei nas mans a miña vida.
15Aínda que me dese a morte, xa tería esperanza
con tal de defender na súa cara o meu obrar.
16Iso xa sería para min unha vitoria,
pois El non deixa ao impío comparecerlle diante.
17Escoitádeme atentos esta razón,
que a miña declaración chegue aos vosos oídos!
18Teño ben preparada a miña defensa,
pois estou certo de ser o inocente.
19Quen é o que quere preitear comigo?
Pois calar agora sería morrer.
20Soamente non me fagas dúas cousas,
e entón xa non me esconderei de ti.
21Aparta de min a túa opresión,
e que tampouco o teu terror non me espante!
22Inquíreme despois, e responderei!
E, se non, podo eu expoñer, e ti replicas.
23Cantas son as miñas culpas e pecados?
Móstrame ti as miñas faltas e os meus erros!
24Por que ocultas o rostro
e me tes por inimigo?
25Teimas en amedrentar unha folla que foxe?
Vaste pór a perseguir unha palla seca?
26Pois anotas na miña conta rebelións,
fasme levar as tachas da miña mocidade,
27átasme os pés no cepo
e estasme a vixiar cada vieiro,
debuxando as marcas dos meus pasos.
28Bótase a perder coma cousa podre,
coma a roupa comesta pola traza.

**13**, 14 Indica en dúas expresións gráficas e proverbiais o transo extremo ao que Xob se expón; "levar o espírito vital nas mans", "ter xa nos dentes a existencia terrea" ("carne") como concepto antropolóxico), son dúas maneiras de dicir "xogarse todo".

**13**, 15-16 Repítese a idea de que poderlle falar a Deus xa é un xeito de ser recoñecido xusto.

**13**, 28 Este v. parece que debe ir despois de **14**, 2.

**14** [1]O home, nado de muller,
curto de días, farto de inquedanzas,
[2]agroma coma a flor e logo murcha,
e foxe coma a sombra sen deterse.
[3]E contra este vixían os teus ollos
e chámalo a preitear contigo?
[4]Quen tirará o puro do impuro? Ninguén!
[5]Se están determinados os seus días,
se depende de ti o número dos seus meses
e lle puxeches un valado que non ha de pasar,
[6]aparta del a túa vista, para que acougue!
Que, igual ca o xornaleiro, goce da súa xornada!
[7]Unha árbore ten esperanza:
se a cortan, aínda se renova,
non cesa de botar pólas.
[8]Se as raíces avellentan na terra,
aínda que morra a cana entre os terróns,
[9]ao contacto coa auga torna a agromar
e dá ramallos coma unha planta nova.
[10]Pero o home, en morrendo, fica inerme;
despois de expirar, onde está?
[11]Retíranse as augas do mar;
consómense e secan os regatos,
[12]pero o home que se deitou non rexorde;
ata que o ceo desapareza non se ergue,
non ha espertar do seu sono.
[13]Quen me dera que me acochases no xeol,
que me escondeses mentres non pase a túa ira
e que me deses prazo para de min te lembrares!
[14](Se morre o home, volverá a vivir?).
Eu ben esperaría todos os días do meu traballo
ata que me chegase a vez.
[15]Chamaríasme entón e eu respondería;
terías saudade da obra das túas mans,
[16]pois se daquela controlases as miñas pegadas
non habías ter conta dos meus pecados.
[17]Selarías nun saquiño as miñas culpas,
ou botarías unha man de cal sobre os meus erros.
[18]Abofé que mesmo os montes caen a tombos,
e as rochas ceden do seu posto;
[19]desgasta a auga os pelouros
e alaga a riada os terróns da agra.
Así ti perdes a esperanza do home,

**14**, 1-22 A comparanza da "folla que foxe" e da "palla seca" do v. 25 anterior adquire agora un desenvolvemento de meirande porte, nunha reflexión sobre a condición do home. O capítulo, con todo, prosegue no contexto da acusación e reto a Deus encetado no **13**, 20, alternando a reflexión baseada na comparanza, coa prosecución do diálogo. A secuencia temática é a seguinte: vv. 1-2: brevidade da vida e comparanza coa flor; vv. 3-6: Interpelación a Deus; vv. 7-12: A morte sen esperanza do home e a contraposición coa árbore vella e os ríos secos; vv. 13-17: Proposta de Xob a Deus; vv. 18-22: Destrución da esperanza e soidade existencial do home en comparanza cos montes. Despois do v. 2 pódese axeitadamente ler o v. **13**, 28.

**14**, 12 Xunto co tema da fin do home aparece por primeira vez no libro o motivo do irrevogable da morte. Este v. é definitivo na súa aseveración, e nese contexto débese interpretar o desexo utópico de Xob nos vv. 13-17: Xob estaría disposto a permanecer esquecido no xeol ata que Deus quixese, en troques de manifestar dunha vez por todas a súa teima; non se afirma, xa que logo, expresamente a inmortalidade.

**14**, 14. 14a Pode ser unha demanda dun glosador ou copista suxerida pola lectura do texto, ou estar desprazado do v. 19, onda tería mellor sentido.

**14**, 17 Proponse o dilema definitivo: ou ben Deus constataría a realidade da culpa de Xob, conservándoa nun saco selado coma o diñeiro nas cámaras do tesouro dos reis; ou ben botaría unha man de cal (outras versións: "verniz, cola") por riba dos pecados para eliminalos.

**14**, 19-20 Deus é, en fin de contas, quen perde ao home inxustamente, torna a manter Xob. Con estas verbas mantén en alto a súa opinión.

20 asobállalo e vaise para sempre;
cámbiaslle o rostro e desbótalo.
21 Se os fillos gañan sona, el non o sabe;
e se son uns pobriños, el non se decata.
22 Soamente o seu corpo se doe del;
por el só fai pranto o seu espírito.

## CICLO SEGUNDO DA DISPUTA

**Elifaz**

**15** 1 Púxose a falar Elifaz o temanita:
2 –Respondería o sabio cun saber que é vento
coma se enchese o ventre co Siroco,
3 con razóns sen fundamento,
paroladas sen xeito nin dereito?
4 Ti estás a subverter a relixión
e búrlaste do rogarlle a Deus.
5 A mala lei inspira a túa boca;
escolliches a lingua dos arteiros.
6 Cúlpate a túa boca, que non eu;
testemuñan contra ti os teus labios.
7 Fuches ti o primeiro home en nacer?
Paríronte antes dos outeiros?
8 Déronche audiencia na asemblea divina?
Apañaches alí a sabedoría?
9 Que sabes ti, que non saibamos nós?
Que albiscas ti, que nós non entendamos?
10 Haiche canas de anciáns entre nós,
e máis cheos de días ca teu pai.
11 Non te abrandan os agarimos de Deus
nin a palabra que contigo foi tan lene?
12 Cara onde te arrastra o sentimento
e detrás de que se che van os ollos?
13 Revíraste contra Deus coa túa xenreira
e botas aldraxes por esa boca.
14 Quen é o home para se ter por puro
e como se declara inocente un fillo de muller?
15 Aquel non se fía nin dos anxos;
nin os ceos son puros aos seus ollos.
16 Canto máis un ser ruín e corrompido,
un mortal que bebe a maldade coma auga!
17 Voute ensinar, ti escóitame;
vouche contar o que vin,

**15-21** *Ciclo segundo da disputa*. A segunda serie de intervencións abrangue un número de capítulos menor ca a primeira, sete en total, roldando sempre en torno aos dous problemas fundamentais do libro: a retribución e a imaxe de Deus. O aspecto é reiterativo, pero os motivos van enfocados dun xeito algo novo. Os amigos responden ás dificultades propostas contra a súa doutrina, reasumibles en tres puntos: a) o home que recibiu o castigo é consciente de non ter pecado; ou b) o tal home non é consciente, aínda tendo pecado, do mal que fixo; e ademais c) a experiencia dinos que non sempre son castigados os pecadores. Argúen co desprezo e coa aldraxe persoal, alleos no ciclo primeiro. Xob, da súa banda, continuará no seu laio e na esixencia dun acareo (rib) con Deus, mais procedendo a unha demanda nova: a dun intermediario (que aludira indirectamente en **7**, 33). Iso non lle impedirá presentar contra-probas de feito aos razoamentos teóricos dos seus interlocutores.

**15** *Elifaz*. O interlocutor primeiro abandona o aire conciliador da súa primeira intervención. A súa resposta, fundada na idea de que o home non é sempre consciente das culpas que comete (**15**, 14), supón unha doutrina amplamente difusa no A. T., e derivada dun concepto de santidade de Deus, que considera o sacro como terrible e perigoso (cf Éx **33**, 1-5; Is **6**, 6; Núm **15** e a pregaria do Sal **19**, 13-14). O discurso, de xénero marcadamente sapiencial, estrutúrase en dúas seccións: A) vv. 2-16: unha disputa sapiencial articulada en acusación formal (vv. 2-8) e reconvención (vv. 9-16). B) vv. 17-35: unha longa instrución acerca da sorte final do impío.

18 o que os sabios transmitiron
pois non llelo ocultaron os seus mestres;
19 –soamente a eles lles deron o país;
non conviviu con eles o estranxeiro–:
20 Decote o impío anda angustiado,
e son poucos os anos reservados ao tirano;
21 leva nos oídos o bruar do medo;
se pensa estar en paz, cáenlle enriba os bandidos;
22 non imaxina xa poder volver das tebras,
téñeno reservado para o coitelo.
23 Vai errante coma pasto dos voitres;
sabe ben que o seu final é cousa feita.
24 Amedréntao xa o día sombrío;
a angustia e a opresión estreméceno,
coma un rei que se prepara ao ataque.
25 Pois estendeu a man contra Deus
e desafiou ao Omnipotente:
26 correu de cabeza contra El
levando por diante o seu escudo.
27 Porque cubriu de gordura a súa cara
e ten ben enlardados os cadrís,
28 habitará en cidades arruinadas,
en casas que xa ninguén habita,
dispostas a seren moreas de pedras.
29 Non ha enriquecer, nin manter fortuna,
nin baixarán á cova os seus haberes.
30 Non fuxirá da sombra,
a labarada secará os seus xermolos,
lévalle o vento os gromos.
31 (Que non se apoie no baldeiro que engana
e que paga con vaidade).
32 Antes de tempo múrchanselle os gallos;
e non lle florecen as pólas.
33 Coma o bacelo perderá os seus acios,
coma da oliveira desprenderase a súa flor.
34 Pois é erma a xuntanza dos impíos
e o lume engole as tendas subornadas.
35 Concibiu a miseria e pariu a maldade;
está o seu ventre a preparar o engano.

**Xob**

## 16

1 Respondeulle Xob:
2 –Razóns coma estas téñoas oído a milleiros.
Valentes consoladores sodes todos vós!
3 Non haberá un límite para as verbas baldeiras?,
ou que é o que te move a responder?
4 Tamén eu podería parolar coma vós,
con tal que estivésedes vós no meu posto.
Aparellaría por vós as palabras,
abaneando contra vós a testa.

**15**, 20-35 O autor semella elaborar aquí unha instrución xa existente de antemán acerca do tirano, non afastada do estilo dun documento de crítica política (cf vv. 20b. 26-29). Esa idea puido fornecer o motivo da glosa v. 24c. Igualmente parecen glosas o v. 28c, cunha precisión explicativa, e o v. 31, de escura interpretación.

**16-17** *Xob*. A réplica de Xob é máis breve e patética ca as precedentes. Refuga axiña as razóns dos amigos sen lles conceder mérito de contra-argumentación (**16**, 1-6), e torna á disputa con Deus (**16**, 7-22) e ao laio desesperanzado (**17**, 1-16).

**16**, 4 O abanear da cabeza é sinal de aldraxe pública (cf Sal **22**, 8).

[5]Coa miña boca daríavos forza,
calmaríavos co mover dos meus labios.
[6]Pero se falo, non cede a miña dor
e se desisto, non se aparta de min.
[7]E agora Deus tenme acabado,
destruíu canto era a miña compaña
[8]e apértame con gadoupas de ferro;
ergueuse coma testemuña contra min
e bótame en cara a miña fraqueza.
[9]A súa carraxe, chea de furia, esgázame;
renxe contra min os dentes;
o meu adversario afía os ollos cara a min.
[10]En contra miña ábrense bocas;
por burla losquéanme na cara;
todos se xuntan contra min.
[11]Ponme Deus na custodia dos malvados,
e bótame nas mans dos criminais.
[12]Estaba eu quedo, e esmagoume;
colleume do pescozo e esnaquizoume;
colocoume por branco dos seus tiros.
[13]Rodeáronme os seus arqueiros,
espetoume nos riles sen piedade,
espallou polo chan o meu fel,
[14]atravesoume con ferida tras ferida,
arremeteu contra min coma un guerreiro.
[15]Levo un saco cosido á miña pel
e humillei no po o meu vigor.
[16]Teño a face vermella de tanto chorar,
cóbreme as pálpebras unha negra sombra,
[17]por máis que non haxa crime nas miñas mans
e sexa sincero o meu rogar.
[18]Terra, non encubras o meu sangue
e que o meu laio non atope tobo!
[19]Aínda está no ceo a miña testemuña;
o meu garante, no máis alto,
[20]o meu intérprete, o meu amigo ante Deus:
diante del choran os meus ollos.
[21]Que el dirima entre o home e mais Deus
como se xulga un preito entre home e home!
[22]Pois acaban, están contados os meus anos,
vou marchar polo camiño sen retorno.

**16**, 7 A paixón de Xob vai descrita no contexto da defensa xudicial, que expón argumentos probatorios (fálase de Deus en terceira persoa). O vocabulario e expresividade son constantes nos salmos de lamentación. A secuencia da condena e execución sería interesante de estudar por ver se, coma o Sal **22** e o tema do "Servo sufrinte" de Isaías, non tivo parte na redacción que os evanxelistas fixeron da paixón de Xesús.

**16**, 18 Berro do inocente asasinado, que esixe vinganza (pensábase que o sangue dos inocentes non penetraba na terra e demandaba ao ceo xustiza: cf Xén **4**, 10).

**16**, 19 A escena cambia cunha apelación audaz: Xob demanda un mediador. O que en **9**, 32-33 semellaba imposible, o que en **13**, 22 e **14**, 13-17 fora unha demanda de acareo, mesmo desde o xeol convértese en fe arriscada nunca solución arbitral. Non queda claro quen é o mediador-testemuña. Unha interpretación pensa nun dos anxos do consello celeste á maneira do Satán acusador; pero, ningún dos nomes citados (testemuña, garante, intérprete, amigo) e o que seguirá (rescatador, no **19**, 25) parece aludir a un cargo en canto tal. O máis obvio é pensar no fondo do deus tutelar babilonio, divindade de segundo rango coa que o orante ten trato persoal e a quen acode como avogado cando o oprime a desgraza decretada polos deuses supremos do panteón. No caso de Xob o monoteísmo israelita impide a existencia desa figura e ao mesmo tempo contribúe a unha orixinalísima exposición: a contraposición dialéctica do Deus inmisericorde do destino co Deus piadoso persoal: dúas experiencias contrapostas que o home fai de Deus; Deus contra Deus, xa que logo.

**17** [1]O meu espírito vital vai esmorecendo,
tan só a cova me resta.
[2]Para min non hai máis ca aldraxes,
entre amarguras consómense os meus ollos.
[3]Leva da túa conta a miña fianza!
Se non o fas ti, quen me vai dar unha man?
[4]Se ti ocultaches das súas mentes a razón,
non a vas facer medrar agora.
[5](Hai quen fala de herdanzas cos veciños,
mentres os ollos dos seus fillos esmorecen).
[6]Fixéchesme andar na boca das xentes,
un a quen se pode cuspir na cara.
[7]Os meus ollos consómense de tristura;
os meus membros son xa unha sombra.
[8]Os honrados abráianse por iso
e o inocente alporízase contra o réprobo.
[9]Mais quen ten razón mantense na súa conduta
e o de mans limpas colle folgos.
[10]Volvede todos vós e vide,
que non penso atopar en vós un sabio!
[11]Foxen os meus días na vergonza,
estráganse as ansias do meu corazón.
[12]Hai quen troca a noite en día,
a alborada no canto das tebras!
[13]Eu xa non espero ren! O xeol é o meu lar
e estendo nas sombras o meu leito.
[14]Dígolle á cova: "Ti es o meu pai";
"miña nai, miña irmá", chámolles aos vermes.
[15]Onde ficou a miña esperanza?
E a miña felicidade quen a albisca?
[16]Vai descender comigo ata o xeol?
Imonos afundir xuntos na terra?

**Bildad**

**18** [1]Falou de novo Bildad o xuhita e dixo:
[2]—Ata cando vas armar trampas coas palabras?
Repénsao, e despois falaremos!
[3]Por que nos tes por bestas?
Coidas que somos badocos?
[4]Ti estrágaste na túa xenreira,
e pola túa causa haberá que deixar deserta a terra
ou remover as rochas?
[5]Tamén se extingue a luz dos impíos
e non brillan faíscas no seu lume;
[6]escurécese a luz da súa tenda
e sobre el apágase a candea.
[7]Fanse máis breves os seus pasos firmes
e derrúbao a súa propia matinación;

**17**, 1-16 A pasaxe é de non doada interpretación, por causa de posibles engadidos: o v. 5 ten aparencia de glosa fóra de posto. Os vv. 8-9 poderían ser o remate conclusivo dunha instrución. O v. 10 é unha recriminación aos amigos, igualmente afastada do ton xeral do capítulo.
**18** *Bildad*. Esta interpretación acomódase á de Elifaz no desprezo e na burla dos tres primeiros vv., de forma procesual (vv. 2-4). A seguir vén unha instrución acerca da fin total da xeración do impío (vv. 5-21). Nela xa non se busca unha finalidade pedagóxica, senón máis ben atemorizar coa inminencia do castigo, parangonando tacitamente aquel final co de Xob mesmo.
Os temas da trampa e do deserto, na introdución (vv. 2 e 4), axudarán á pormenorización do corpo da instrución, que se articula en cinco estrofas de tres versos (vv. 5-19) e nun comentario final de dous vv. (20-21).
**18**, 5-7 *A luz*, benestar vital do home (cf Pr **4**, 18; **13**, 9; **20**, 20), e a candea da existencia, desaparecen xunto co éxito dos pasos dados conforme a un plan preconcibido.

8vai dar na rede polos seus pés,
reméxese entre as mallas;
9atrápao o lazo polos nocellos
e aferra nel o cepo.
10Para el está escondida a corda no chan
e o cepo de caza na súa corredoira.
11Ao seu arredor espántano os terrores,
escorréntano a cada paso.
12Está famenta del a desgraza
e a calamidade prepáralle a caída.
13A doenza róelle na pel,
morde nos seus membros o vinculeiro da morte.
14Arríncano da súa cómoda tenda,
lévano diante do rei dos terrores;
15mora na súa tenda a pantasma;
espallan xofre polos seus eidos.
16Sécanlle por debaixo as raíces,
múrchanlle por riba as pólas.
17Desaparece a súa fama do país,
non ten sona na rexión.
18Empúxano da luz para a escuridade,
refúgano do mundo.
19Sen prole nin descendencia no seu pobo,
sen quen lle sobreviva nos seus eidos.
20Tremerán co seu fado os occidentais,
encheranse de arrepío os orientais:
21velaquí as moradas do inicuo;
este é o posto de quen rexeita a Deus.

**Xob**

**19** 1Respondeu Xob:
2—Ata cando me estaredes a atormentar,
a me esmagar con discursos?
3Xa van dez veces que me asoballades,
e non vos dá vergonza aldraxarme?
4Aínda que de verdade ande errado,
o erro vai comigo!
5Non será que queredes avantaxarvos á miña conta
acusándome por mor da miña desfeita?

**18**, 8-10: Ese plan, pensado inxustamente, desencadea o seu efecto negativo conforme á lei da retribución, converténdose en trapela.
**18**, 11-13: O medo, a desfeita, a enfermidade (personificada segundo a demonoloxía babilónica no "primoxénito da morte ", cf Sal **91**, 5s) son os colaboradores da lei da retribución.
**18**, 14-16 A aniquilación vén expresada en termos de destrución da morada terrestre: baleiro da tenda, xofre nos eidos (cf Xén **19**, 24; Is **30**, 33; Dt **29**, 22), cuarto no xeol. Alí está o "rei dos terrores" (cf o *Nergal* babilonio, o *Mot* cananeo) e os "demos fantasmais" (cf a *Lilitu* Babilonia). O que resta despois xa non chega nin a planta morta (v. 16).
**18**, 17-19 Xa non permanece nin o único que o podería sobrevivir: a lembranza e a descendencia.
**18**, 20-21 A sona da desfeita acada os confíns do mundo habitado ("os que están detrás", occidentais, e "os que están de fronte", os orientais, na verdadeira "orientación" israelita). O xuízo definitivo semella unha sentenza sobre o "ateo práctico" que non recoñece a Deus cos feitos, único ateo do que fala o libro. O concepto "coñecer a Deus", entendido como práctica testemuñal, é de orixe profética (cf, sobre todo, Oseas).
**19** *Xob*. Consecuencia da velada alusión feita ao historial persoal de Xob no capítulo precedente, a resposta non se fai esperar. Xob séntese atormentado e burlado polos seus interlocutores, que non só non o entenden, senón que se enrabian contra el deixándose levar da paixón. Repítese a declaración formal da inocencia propia e da culpabilidade de Deus (v. 6) e a súa negativa a facer un proceso imparcial a pesar de lanzar o berro público que forzaba á intervención xurídica (v. 7). A constante referencia a fórmulas acuñadas no libro das Lamentacións (cf **2**, 2; **3**, 5. 7-9. 14; **5**, 14. 16, etc...) fan pensar nunha lectura ou coñecemento previo delas xa como literatura, e son unha das razóns, asemade coas citacións sálmicas e as de Xeremías, para datar a Xob despois do exilio.

[6]Sabede que é Deus quen me fai dano,
cinguíndome coa súa rede.
[7]Berro inxustiza!, pero ninguén responde;
pido axuda, pero non me fan xustiza.
[8]Choeu o meu carreiro e non podo pasar,
encheu de tebras o meu vieiro.
[9]Espiume da gloria,
arrincoume da cabeza a coroa.
[10]Destruíu todo ao meu arredor, e teño que irme;
fendeu coma unha árbore a miña esperanza.
[11]Acendeu a súa ira contra min
e tenme por seu inimigo.
[12]Xúntanse as súas bandas para atacar:
contra min lousan a calzada,
poñen o campo arredor da miña tenda.
[13]Foxen de min os meus irmáns,
os meus parentes trátanme coma alleo;
[14]boto en falta veciños e coñecidos,
esquézome dos que estaban ao meu cargo;
[15]trátanme de forasteiro as miñas servas:
óllanme cal se fose un estranxeiro.
[16]Chamo ao meu escravo e non responde
teño que lle rogar eu mesmo;
[17]dálle noxo o meu alento á miña muller,
fédolles aos meus irmáns;
[18]mesmo os picariños me refugan
e dan volta cando tento erguerme.
[19]Os do faladoiro abóuxanme,
os benqueridos rexéitanme!
[20]Apégaseme a pel do corpo aos ósos,
caen os meus dentes das enxivas.
[21]Piedade, piedade, meus amigos,
que a man de Deus me feriu!
[22]Por que me perseguides coma Deus
e non vos dades fartos na miña carne?
[23]Se algún día se escribisen as miñas palabras!
Oxalá fixesen delas unha inscrición!
[24]Que con cicel e chumbo
se labrasen para sempre nun penedo!
[25]Con todo, eu sei: o meu Liberador está vivo
e ao remate hase erguer sobre a terra;
[26]despois de ter esgazada a miña pel,
aínda sen carnes hei ver a Deus.

**19**, 13-19 Do laio contra o inimigo pásase ao laio contra os parentes.

**19**, 13 *Irmáns* enténdese no sentido amplo, semítico, de "relacións familiares".

**19**, 17 Hai dúbida para a interpretación: a frase literal "meus fillos de seo" pódese referir a irmáns da mesma nai ou a fillos da mesmo esposa. Suposta a interpretación colectiva do v. 13, e a proximidade da mención dos nenos no v. 18, preferimos a tradución "irmáns" (cf Xuí **8**, 19).

**19**, 20-24 Rematada a situación exterior calibrada no xusto, estes vv. 20-24 propoñen o desgarro da situación interior cunha exclamación (v. 20), un rogo (v. 21), unha imprecación (v. 22) e un desexo utópico (vv. 23-24). De novo o autor do poema comprende a doenza de Xob coma unha lepra (v. 20).

**19**, 23-24 Suxire unha solemnidade e unha audacia no reto sen semellanza: igual que os grandes pactos internacionais e os triunfos guerreiros dos imperantes babilónicos e asirios, a inxustiza do que se lle fai a Xob ten de perdurar cicelada na rocha, brillante coa mestura de chumbo e ferro que se dexerga escintilante desde lonxe.

**19**, 25-27 Este é unha das pasaxes máis citadas do libro e máis conflitivas da interpretación bíblica. A Vulgata fixo destes versos unha confesión de fe na resurrección: "Eu sei que o meu redentor está vivo e que resucitarei no último día; cinguireime de novo coa miña pel e coa miña carne ollarei ao meu Deus". O texto hebreo, defectuoso na transmisión, admite varias lecturas, mais a dúbida céntrase soamente en se Xob pensa nunha xustificación antes de morrer, ou, como fixo no c. **14**, 13-17, nun utó-

[27]Eu mesmo o hei ver;
hano ver os meus ollos, non os doutro.
Esmoréceme o corazón nas entrañas!
[28]E se teimades: "Como o perseguiremos
ou como poderiamos collerlle as voltas?".
[29]Tede medo da espada!
Pois estes son delitos dignos dela;
e para que o saibades: hai un xuíz!

**Sofar**

**20** [1]Sofar o namateo respondeulle:
[2]–A este propósito rebole en min un matinar,
por isto desacóugase a miña mente.
[3]Tiven que oír a burla do teu aviso
e, con todo, responde en min un espírito asisado:
[4]Non sabes ti de sempre,
desde que foi posto o home sobre a terra,
[5]que o reloucar dos malvados é para pouco
e que a ledicia dos impíos dura un intre?
[6]Aínda que chegue ata o ceo a súa soberbia,
e aínda que toque ata as nubes coa cabeza,
[7]coma o esterco perderase para sempre
e han preguntar os que o ollaron: "Ulo?".
[8]Voará coma un soño sen que o atopen
e pasará coma visión noitébrega.
[9]Xa non o albiscarán os que o miraron,
non o verá máis o lugar onde moraba.
[10]Os seus fillos indemnizarán aos pobres,
pois coas mans terán que repoñer a súa fortuna.
[11]A súa osamenta chea de xuventude
con el ten que se deitar no po.
[12]Se era tan doce para a súa boca o mal
que o deixaba esluír baixo a lingua,
[13]que o mantiña sen o deixar pasar, reténdoo no padal,
[14]podrece agora o seu xantar no ventre
e fáiselle alí dentro fel de cóbregas.
[15]Riquezas que enguliu, tenas que vomitar;
é Deus mesmo quen llas saca do ventre.
[16]Zugará a pezoña das cóbregas;
hao rematar a lingua das serpes.
[17]Non correrán para el fontes de aceite,
nin ríos de mel e manteiga.
[18]Terá que devolver os produtos sen os consumir,
e non se gozará do que gañou mercando,

pico e desesperado *post mortem*. A primeira impresión parece máis verosímil. Xob espera do seu "goel" (parente ou achegado que rescata da escravitude e da débeda ou "vinga o sangue") que cumpra co seu deber, que se erga para defender o seu dereito (v. 25), aínda que non sexa senón cando a Xob non lle restan máis ca pel e ósos (v. 26). Cos propios ollos poderá entón ver cara a cara ao seu contrincante (v. 27). O que estes vv. expoñen é a seguridade de Xob en que se fará xustiza como sexa (o v. 25b pódese ler como concesivo: "Aínda que fose o derradeiro a se erguer"), grazas á intervención do seu árbitro (cf **9**, 33) e avogado celeste (cf **16**, 19) que neste intre acada o grao de parentesco de sangue coa consecuente obriga de intervir. Ese non é outro que Deus, o Deus persoal, polo que estes vv. adiantan a expectación da teofanía (**38**, 1-**42**, 6). Con ese tremor nas entrañas, centro de emocións (v. 27c) e con esa seguridade (v. 29c) lánzase a ameaza de castigo por delito criminal (v. 29b) contra os amigos.

**20** *Sofar*. Sofar dá a impresión de non se decatar da arriscada aposta de Xob e prosegue a refutar as obxeccións contra a lei da retribución: o impío ás veces pode semellar feliz, mais esa ledicia é pasaxeira (**20**, 5); sobre el chegan irremediables a dor, a desfeita e a morte; isto corrobora de novo o concepto de xustiza inmanente.

**20**, 10 Este v., se cadra, vai mellor despois do v. 19; en xeral, a tradución que se propón é unha das posibles.

**20**, 12 Castígase co descoñecemento da fartura acadada polo mal proceder amoreando riquezas mediante a opresión.

19pois oprimiu deixando espidos os pobres
e acaparou as casas que el non construíra.
20Pois no seu corazón non coñeceu descanso
e a súa cobiza non deixou fuxir ren;
21nada ficaba salvo do seu trabar,
por iso non vai perdurar o seu deleite.
22Da enchente vai pasar á angustia,
botaráselle enriba a forza da desgraza.
23Para que encha o seu ventre
halle enviar Deus a súa ardente carraxe,
fará chover por riba o lume da súa ira.
24Se foxe da arma de ferro
alcánzao o arco de bronce;
25a frecha sáelle polas costas,
a punta da lanza polo fel;
asáltano os terrores.
26Todas as tebras están para el reservadas;
un lume, non atizado por home, consómeo;
mal lle vai ir a quen se refuxie na súa tenda!
27O ceo ha pregoar o seu pecado,
e contra el rebelarase a terra.
28Un torbón de auga desfaralle a casa,
as corgas do día da carraxe.
29Este é o quiñón que ten Deus para o home impío,
a herdanza divina para o rebelde!

**Xob**

**21** 1Entón Xob respondeu:
2–Escoitade atentos o meu propósito:
Que iso sexa para min o voso consolo!
3Aturádeme un intre mentres falo,
cando remate xa vos mofaredes:
4Presento eu o meu agravio contra un home?
Non teño razón para me impacientar?
5Ollade para min e estarrecede,
e ponde a man na boca.
6Cando o penso, alporízome
e apértanseme as carnes co medo:
7como é que aínda viven os malvados
e de vellos se cadra son máis ricos?
8A súa caste medra a carón deles;
a súa prole, diante dos seus ollos.
9Nas súas casas hai paz, non hai temores,
non bate nelas o fungueiro de Deus.
10O seu touro cobre a vaca sen fallar,
a súa vaca pare sen abortar.

**20**, 23 O primeiro hemistiquio semella unha glosa reiterativa.
**20**, 26 O *lume non atizado por home* é o lóstrego; este bate na tenda e no que se refuxia nela fuxindo da xustiza grazas á lei da hospitalidade.
**20**, 27 *Hades* traduce o vocábulo "terra", que no contexto asume o valor de terra inferior ou país dos mortos, tal como tamén se lle chamaba no ugarítico. *Día da carraxe* é nomenclatura profética do día de Iavé, en canto intervención teofánica punitiva.

**21** *Xob*. Todos os discursos dos amigos xiraban neste segundo ciclo arredor da tipoloxía do malvado. No último capítulo o autor vai rebater terminantemente o argumento coa demostración da felicidade do impío. **21**, 34 é o xuízo definitivo baseado en feitos, que os amigos non poderán torcer. En troques non aparece o outro fío polémico de Xob, o laio pola súa dor e a reclamación dun proceso imparcial contra Deus.
O tema exposto, a felicidade dos impíos, recorda tamén a escandalizada atención de Hab (**2**, 6), Xer (**12**, 1) e dos salmos sapienciais (**37**; **49**; **73**; etc.).

[11]Deixan os seus nenos choutando coma años,
bailan os seus pequenos;
[12]entoan ao ritmo do pandeiro e da cítola,
fólganse ao son da frauta,
[13]transcorren os seus días na ledicia
e baixan tranquilos ao xeol,
[14]por máis que lle teñan dito a Deus: "Arreda de nós,
non queremos saber dos teus camiños!
[15]Quen é o Omnipotente para que o sirvamos?
Que proveito tiramos de rogarlle?".
[16](Non teñen no seu control a súa prosperidade,
non estou eu de acordo co matinar dos malvados).
[17]Cantas veces se lle apaga a candea ao impío?
Cantas veces dá neles a fatalidade
ou lles reparte Deus dores na súa ira
[18]ou se converten en palla diante do vento
ou coma lixos que a treboada esparexe?
[19]Garda Deus a miseria para os seus fillos?
Que lla faga pagar a el para que o sinta!
[20]Que vexan os seus ollos a desfeita!
Que beba a carraxe do Omnipotente!
[21]Pois que vai ser da súa casa despois del,
cando remate a conta dos meses?
[22]Vai un darlle leccións a Deus
que xulga aos máis egrexios?
[23]Uns morren na plenitude das súas forzas,
zumegando paz, e sen cavilacións,
[24]cos lombos cheos de graxa
e aínda mol a cana dos seus ósos;
[25]morren outros fartos de amargor,
sen gustar o que é bo,
[26]e xuntos déitanos na mesma cinsa,
cóbrenos aos dous os vermes.
[27]Ben sei eu os vosos pensamentos
e as maquinacións que contra min tecedes.
[28]Dicides: "Onde está o pazo do poderoso
e onde a morada dos malvados?".
[29]Seica non o dades inquirido dos viandantes?
Non o dades pescudado nas súas historias?:
[30]Que nos días malditos se salva só o impío
e se ceiba no día do furor.
[31]Quen lle bota en cara a súa conduta
e o forza a pagar polo que fixo?
[32]En troques, lévano solemnemente ao nicho,
pónselle garda de honor no mausoleo;
[33]sábenlle ben mesmo os terróns da cova,
arrastra tras de si un xentío,
e diante del desfilan a milleiros.
[34]Como teimades entón consolarme tan en van?
Das vosas respostas o que queda é fraude!

**21**, 17 A *candea* é a vida farturenta e chea de felicidade.
**21**, 19ss Xob sae ao paso da retribución colectiva e familiar, o que sitúa ao libro na mentalidade postexílica (cf Ez **18**).
**21**, 27-33 Xob pasa á argumentación *ad hominen*, cunha sabedoría tirada da experiencia (viaxes e historias: v. 29). Case que se pode falar dunha "providencia especial" sobre do malvado (vv. 30-31) que mesmo ao morrer acada honor (vv. 32-33). Todas as imaxes recorren ao tema tópico da "morte do tirano", mais dándolle a volta. O v. 32 pódese interpretar tamén no sentido de que a súa estatua vixía sobre da súa tumba, como acaecía en Exipto.
**21**, 34 Os amigos non conseguiron consolar a Xob e o que propuxeron como argumento era falso. Deste xeito fai o autor o balance da disputa na segunda rolda.

## CICLO TERCEIRO DA DISPUTA

**Elifaz**

**22** [1]Elifaz de Temán empezou a resposta:
[2]—Vai poder un home beneficiar a Deus?
Non! Só de si mesmo tira proveito o sabio.
[3]Que vantaxe tira Deus de que ti sexas xusto?
Que gaña con que ti te portes ben?
[4]Íate el probar pola túa piedade,
levarte a preito por iso?
[5]Non é máis ben enorme a túa maldade
e incontables as túas culpas?
[6]Pois sen razón demandábaslles peñores aos teus irmáns
e mesmo aos farrapentos lles arrincabas os vestidos.
[7]Non dabas a beber auga ao sedento,
e ao famento negábaslle o pan:
[8]a terra é para os forzudos,
quen recada honor, que viva nela!
[9]Ás viúvas botáchelas fóra baleiras,
e arruinaches os brazos dos orfos.
[10]Por iso rodéanche as trampas,
e o medo súbito espántate,
[11]ou escurece e xa non podes ver
e alágate o pulo da enxurrada.
[12]Non se alza Deus tanto coma o ceo?
E olla para estrela do cénit, que é tan alta!
[13]E, con todo, ti pensas: "Que sabe Deus?
Vai gobernar El por entre o neboeiro?
[14]As nubes son o seu veo, por iso non ve;
El fai a rolda pola bóveda do ceo".
[15]Queres seguir o vieiro antigo
por onde calcaron os inicuos
[16]que foron arrincados antes de tempo,
cando a riada lles afundiu os alicerces?
[17]Dicíanlle eles a Deus: "Arreda de nós!
Que nos pode valer o Omnipotente!".
[18]E fora El quen lles enchera ben de todo as casas,
pero eles apartábano dos seus plans inicuos.
[19]Ven isto os xustos e alégranse,
fai burla deles o inocente:
[20]Abofé que esgotaron os seus haberes
e o que quedaba devoróullelo o lume.

**22-27** *Ciclo terceiro da disputa*. A terceira serie de intervencións que pecha a discusión de Xob cos amigos presenta unha serie de características que fan sospeitar da integridade do seu estado de conservación: dunha banda, a redución excesiva dalgúns dos seus capítulos (cf **25** e **26** do texto hebreo); doutra a minguada intervención de Bildad (seis vv.) e mais a ausencia de Sofar; finalmente, a repetición da introdución na segunda intervención de Xob (**26**, 1; **27**, 1) e as argumentacións que se poñen na súa boca contradicindo canto afirmara nas pasaxes antecedentes.
A razón máis axustada para dar conta destes feitos pode ser a da perda de materiais no proceso de copia do orixinal, extravío de follas do texto, e a adxudicación artificiosa para salvar o salvable.
A orde posible a seguir na lectura pode ser a seguinte: Elifaz **22**; Xob **23**; Bildad (**25**, 1; **26**, 5-14; **25**, 2-6); Xob (**26**, 1-4; **27**, 2-7); Sofar (**27**, 8-23; **24**, 18-24); Xob (**24**, 1-17. 25).
O debate, reiterativo nos motivos da desfeita do impío, a partir dos capítulos mellor conservados **22** e **23**, parece centrarse en torno a Deus. Distancia e sublimidade da súa sabedoría son os argumentos dos amigos; obriga moral dunha resposta, é a teima de Xob. O fragmentario das intervencións non deixa, con todo, percibir o fío dun desenvolvemento axeitado.
**22** *Elifaz*. O cambio de actitude albiscase xa no primeiro dos discursos: da disputa escolar faise unha transición á forma da requisitoria personalizada que oscila entre polémica e instrución.
**22**, 2-5 Nova liña de argumentación: Deus está por riba dos preitos que Xob imaxina. El nada ten que perder (vv. 2-3). Doutra banda reafírmase a incoherencia de supor en Deus unha cativa vontade; máis ben son as culpas as que o levan a condenar a Xob (vv. 4-5).

21 Ti axusta as contas e ten paz con El
e dese xeito acadarás un bo pasar.
22 Ten por bo o ensino dos seus beizos!
Toma a peito as súas palabras!
23 Se te volves ao Omnipotente, hate sandar.
Afasta da túa tenda a inxustiza!
24 Bota o teu ouro polo chan,
o teu ouro de Ofir entre os callaos dos regatos!
25 E que sexa o teu ouro o Omnipotente.
El mesmo, as túas moreas de prata.
26 Será entón o Omnipotente o teu folgar,
erguerás diante de Deus o teu rostro.
27 Cando lle rogues hate escoitar,
e ti cumprirás os teus votos.
28 Todo canto decidas hase realizar
e o sol alumará nos teus camiños.
29 Pois El rebaixa a arrogancia dos fachendosos
mais axuda aos que humildes baixan os ollos,
30 rescata o home sen tacha;
por iso hate librar, se tes limpas as mans.

**Xob**

**23** 1 Respondeu Xob:
2 –Tamén hoxe é rebelde a miña queixa
pois a súa man fai pesado o meu xemido.
3 Oxalá soubese eu como o encontrar!
Habíame achegar ata o seu trono,
4 para expor a miña causa diante del
levando a boca chea de argumentos;
5 coñecería con que razóns responde,
sabería o que me ten que dicir.
6 Levaría El adiante o preito pola forza?
Non!, que me había ter en conta.
7 Pois daquela sería un home honrado quen contende con El,
gañaría eu de certo a causa para sempre.
8 Mais se torno para o leste, non o atopo;
vólvome para o poñente, e non o albisco;
9 procúroo no norte, e non o vexo,
vólvome cara ao sur e non o descubro.
10 Mais, dado que El coñece o camiño do meu lar,
que me veña probar e hei saír coma o ouro:
11 Mantívose o meu pé na súa pegada,
gardei o seu vieiro sen torcerme,
12 non me afastei da orde dos seus labios,
no meu seo escondín a súa palabra.
13 Pero se El xa decidiu, quen é capaz de o cambiar?
El fai todo canto lle agrada:
14 vai levar a cabo o que me decretou;
deste xeito obra sempre.

**22**, 21-28 Elifaz pensa aínda na posibilidade da conversión, e deste xeito lanza a súa derradeira exhortación, que semella tirada da moral da narración patriarcal do prólogo (vv. 21-26) e mais dunha versión utilitaria e mercantilista do culto (v. 27). O remate doutrinario (vv. 29-30) non se arreda para nada da tese inicial.
**23** *Xob*. Cun comezo moi similar ao **6**, 2-4, Xob intervén no "hoxe" da terceira rolda, dando expresión á súa teimuda procura de Deus. Collendo polas follas a argumentación de Elifaz verbo do Deus remoto (**22**, 12ss), torna á súa idea do encontro persoal como única solución (vv. 2-7), constata a imposibilidade de o encontrar, en razón da negativa de Deus a se avir ao preito (vv. 9-12) porque no fondo xa decretou pola súa banda a resolución (vv. 13-17).
**23**, 11-12 Parécese a un prego de descargo aínda non pormenorizado, adiantando unha confesión.

15 Así fico eu diante del, estarrecido,
e cando o penso, cóllolle medo.
16 Tal Deus amoléceme o ánimo
túrbame o Omnipotente.
17 Pero non hei calar diante da escuridade,
por máis que estea só e que me encubran as tebras.

**24** 1 Por que non se reserva o Omnipotente os tempos?
Por que os que o coñecen non saben dos seus días?
2 Os malvados cambian os marcos dos lindeiros,
rouban as greas para os seus pastos;
3 levan o asno dos orfos,
collen en prenda o boi da viúva;
4 desbotan aos pobres do camiño
e teñen que acocharse os mendigos do país.
5 Coma onagros monteses saen a facer a súa tarefa:
a procurar xuntar polo deserto,
comida para os seus fillos;
6 colleitan pola noite nas agras
ou estragan os viñedos dos ricos;
7 déitanse nus, sen vestidos,
sen teren nin unha manta cando vai frío;
8 fican enchoupados co orballo das montañas,
e por falta de acougo engrúñanse contra as rochas.
9 (Rouban do peito da nai o orfo,
collen en peñor o neno do mendigo).
10 Van espidos, sen roupa,
famentos, carrexan as espigas;
11 deitando aceite entre as rodas do muíño
e pisando no lagar, pasan sede;
12 saloucan na cidade os moribundos,
berra socorro o espírito dos feridos!;
mais Deus non atende os seus rogos.
13 Outros son rebeldes contra a luz,
que non queren saber dos seus camiños,
nin tripan polos seus vieiros.
14 De mañanciña érguese o homicida
para matar o pobre e o coitado;
axexa o ladrón de noite,
16a fura as casas nas tebras.
15 O ollo do adúltero esculca no solpor,
dicíndose: "Non me ha ollar ninguén",
e vai coa cara tapada.
16b.c Polo día escondéranse,
non queren atoparse coa luz.
17 Para todos eles a mañá é noxenta,
móvense ben entre os medos das tebras.

**23**, 16-17 O talante interior de Xob fica ben expresado nos dous versos finais: a imaxe de Deus é problemática, a loita pola xustiza non se deixa disuadir.
**24**, 1-17. 25 *Xob*. Esta intervención de Xob parece que debería seguir á de Sofar (**27**, 8-23; **24**, 18-24), pois os cc. **29-31** son xa un monólogo que fai contrapunto ao c. **3**, e non supón unha resposta dialogal. De feito, a pasaxe podería ser unha mera escolma de fragmentos poemáticos introducidos co obxecto de encher o espazo da terceira rolda.
**24**, 9 Parece que este v. debería ir despois do 3.
Parece máis adecuado situar **24**, 18-24 despois e non antes de **27**, 8ss en razón da imaxe da desaparición do impío, común a **27**, 23 e **24**, 18.
**24**, 13 Parece o título da composición sobre o impío que vai presentando por pares de vv. a perda da descendencia, a perda da facenda, a perda da casa, o medo, a desaparición da terra (**27**, 14-23); finalmente acceden a perda da sona e o castigo do esquecemento no xeol (**24**, 18-20).

18 Escorre lixeiro pola face das augas,
as súas leiras son malditas na bisbarra
e ningún traballador se dirixe ás súas viñas.
19 Coma a calor e mais a seca lles rouban a auga ás neves,
así fai o xeol cos que pecan.
20 Esquéceo o ser que o xerou,
ninguén recorda xa o seu nome;
a maldade é tallada coma unha árbore
21 (asañouse coa estéril e sen fillos,
non socorreu á viúva).
22 Favoreceu co seu haber aos violentos,
rexurdía cando xa non contaba con vivir.
23 Déixao medrar seguro,
mais cos ollos El fita os seus camiños.
24 Álzanse en pouco tempo e despois esmorecen,
logo arríncanos, múrchanse coma os demais,
séganos coma as cristas das espigas.
25 Se non é así, que diga alguén que minto,
que demostre que son vas estas palabras!

**Bildad**

**25** 1 Díxolle entón Bildad o xuhita:
2 –O seu dominio é arrepiante,
El é quen mantén a harmonía nas alturas.
3 Quen contará as súas lexións?
Contra quen non pode pór a súa emboscada?
4 Vai un home ter razón ante Deus?
Pode ser puro o nacido de muller?
5 O mesmo luar non lle brilla abondo,
nin son puras aos seus ollos as estrelas!
6 E canto menos o home, o verme,
o ser humano, esa miñoca!

**Xob**

**26** 1 Deu Xob a súa resposta:
2 –Como poderás ti axudar ao feble,
ou salvar os de brazos sen forzas?
3 Como é que aconsellas aos que non saben
e lles mostras como van ter sorte en todo?
4 Quen che axudou a compor estas razóns?
De quen é a inspiración que sae de ti?
5 Mesmo as ánimas tremen diante del
por embaixo das augas e dos seus habitantes;

**24**, 22-24 Saen ao paso da aparente fortuna dos malvados. A tradución é ás veces conxectural, debido ao estado de conservación do texto hebreo.
Se é Xob quen pronuncia estas verbas, co reto final no v. 25, o debate remata nun punto morto polo que se refire á contraposición das teses respectivas del e dos amigos, no tocante á xustiza. Resta por saber por que parte se ha resolver o dilema e cal será a resposta que Deus vaia dar ao problema da dor de Xob e a súa procura dunha nova imaxe da divindade.
***25**, 1; **26**, 5-14; **25**, 2-6; Bildad.*
**25**, 1 A intervención de Bildad consérvase nun breve fragmento sen comezo nin final, recomposto aquí aproximadamente. A primeira parte (**26**, 5-14) puido antes ter existencia independente, e empregada con posterioridade para completar o paso; mais polo seu ton casa ben co modo de argumentación contra a audacia de Xob de demandar un acareo con Deus (**25**, 2-6). Polo xénero, **26**, 5-14 é un himno creacional incompleto, do que se conservan dúas estrofas de cinco vv.: vv. 5-9: propoñen o tema do dominio absoluto de Deus sobre do mundo dos mortos e dos poderes do caos; os vv. 10-14 describen a grandeza e forza do Deus creador, concluíndo co respecto estremecido e abraiado.
**25**, 6 Ao pé da letra di: "Vai saír declarado inocente...?", expresado na forma retórica da pregunta escolar.
**26**, 5-6 As ánimas son os "refaím", nomenclatura de orixe ugarítica, sombras dos mortos (cf Is **14**, 9; **26**, 14-19), que moran no xeol afastadas da luz da vida. Nese v. o xeol fica situado por baixo dos océanos, se ben patente

6fica espido diante del o xeol,
non hai cuberta para o antro da perdición.
7El tendeu o Norte sobre o baldeiro
e pendurou a terra sobre a nada;
8pechou cun atado a auga nas nubes,
e non se racha con elas o nubeiro;
9logo encubriu a face do luar
botándolle por riba unha nube;
10gravou o horizonte sobre as augas
na fronteira entre a luz e as tebras;
11abanean os piares do ceo
espantados diante do seu berro;
12coa súa forza alporizou ao mar,
coa súa habilidade destruíu a Rahab;
13co seu vento varreu o ceo,
coa súa man feriu a serpe fuxidía.
14E isto non é máis que os beirais do seu poder.
Só é un pequeno murmurio o que del oímos.
Quen entenderá o trebón do seu poder?

# 27

1Seguiu Xob pronunciando o seu discurso:
2–Por Deus, que tolleu o meu dereito,
polo Omnipotente, que me encheu de tristura:
3que mentres teña folgos
e alento de Deus no meu nariz
4non han falar en falso os meus labios
nin saír mentiras da miña lingua!
5Lonxe de min o darvos a razón!
Deica expirar non cederei na miña integridade!
6Hei soster a miña inocencia sen afrouxar!
Nin por un dos meus días me reprende a conciencia.
7Que o meu inimigo sexa considerado coma o malvado,
e o meu adversario coma o impío!

**Sofar**

8–Pois que esperanza lle queda ao rebelde cando fina,
cando Deus lle quere arrincar a vida?
9Escoitará Deus os seus laios,
cando a angustia se lle bote enriba?
10Vaise alegrar no Omnipotente?
Chamará a Deus a cada intre?

aos ollos de Deus (v. 6); *Perdición* (Abaddón) é outro nome do xeol, derivado de "abad" (= perecer).
**26**, 7-8 Ilustran a cosmovisión israelita: a bóveda celeste materialízase en forma de gran cuberta que se pode tender, e as nubes son grandes pelellos que conteñen as augas.
**26**, 10-11 O horizonte ou "círculo" é o lindeiro circular que solda o punto de contacto entre a bóveda celeste e a beira última do océano. Polo día a luz traspasa esa barreira, pola noite escóndese detrás dela. As grandes montañas axudan tamén a erguer da banda do norte a bóveda celeste á maneira de columnas (v. 11).
**26**, 12-13 Recollen o motivo mítico babilónico e ugarítico da loita do deus ordenador contra as forzas do caos.
**26**, 1-4; **27**, 1-7 *Xob*. A burla e a ironía informan a breve introdución da resposta de Xob dedicada aos amigos (vv. 2-4) na forma da disputa entre escolantes, na que se refuga coa dúbida a alusión a supostas inspiracións (v. 4; cf **4**, 12; **15**, 11; **22**, 22). O v. 27, 1 é un procedemento de urxencia dun glosador que recoñeceu o leitmotiv das intervencións de Xob nos versos que seguían. De feito **27**, 2-7 son inconfundibles pola forma e polo tema. Xob foi "íntegro" ("tam"; cf o prólogo (**1**, 1), que provocara a sospeita do Satán) e verdadeiro en todas as súas razóns. Os xuramentos do v. 2 e do v. 5 (execración que ao pé da letra di: "Maldito eu") son a forma solemne na que reafirma a súa inocencia (v. 6), a falta de verdade nos amigos (v. 5) e a posible condena tácita de Deus (v. 7).
**27**, 7 Este v. podería tamén traducirse: "Que lle suceda ao meu inimigo coma ao malvado, e ao meu adversario coma ao impío". Algúns comentadores xúntano a 27, 8ss.
**27**, 8-23; **24**, 18-24; *Sofar*. Como solución de emerxencia asígnanse a Sofar estes vv. que polo ton acusatorio inicial e o motivo da desfeita do malvado teñen que pertencer a un dos amigos, e non concordan co dito por Bildad nin co capítulo ben conservado de Elifaz.

[11]Falareivos do poder de Deus,
non vos esconderei o que matina o Omnipotente.
[12]Vós mesmos o tedes visto,
para que estades entón a facer o parvo?
[13]Esta é a sorte do home impío ante Deus,
a herdanza que recollen do Omnipotente os tiranos:
[14]se multiplican os fillos é para a espada,
os seus xermolos non se han ver fartos de pan.
[15]O resto dos que lles queden, hállelos levar a morte,
non lles han facer pranto as súas viúvas.
[16]Se amorea coma terróns a prata,
e dispón de vestidos coma o barro,
[17]gardounos para que os vista o xusto,
e o inocente repartirase a prata.
[18]Se edificou a súa casa coma un vixía,
como constrúe o garda unha casopa,
[19]hase deitar rico por vez derradeira:
cando abra os ollos, xa non atopa ren.
[20]Asáltano os temores polo día
e pola noite arrebátao o temporal;
[21]arrómbao o vento do leste
e empúrrao do seu lugar;
[22]disparará contra el sen piedade
por máis que teime fuxir da súa forza;
[23]baterá palmas por el e asubiará,
para que desapareza do seu posto.

**Himno á sabedoría**

**28** [1]Ten por certo a prata unha veta
e o ouro ten lugar para ser refinado.
[2]O ferro tírase da terra,
e da pedra fundida sae o bronce.
[3]Póñenlle un tope á tebra
e pescúdano todo ata os confíns,
ata as rochas máis mouras e máis denegridas.
[4]Furan galerías lonxe dos casais,
carreiros esquecidos polo pé;
descenden pendurados, afástanse dos homes.
[5]A terra da que saen os alimentos
ferve no fondo coma lume;
[6]eses penedos son as minas dos zafiros,
neles atópanse as carabuñas do ouro.
[7]O seu vieiro non o coñece o voitre
nin o dexerga o ollo do falcón;
[8]non o pisaron as máis altivas feras
nin os leóns tripan nel.

**28** *Himno á sabedoría*. Ao remate dos tres ciclos da disputa encaramos un poema de estraña aparencia no conxunto do libro. Nada se di nel nin de Xob, nin dos amigos, nin dos problemas da retribución e da procura dunha nova imaxe de Deus. Propiamente non se fala nin tan sequera da sabedoría de Deus, tal como quedaba citada noutros capítulos do debate (**8**; **11**; **12**; **15**; **26**; etc...). É un poema sapiencial de índole doutrinal, que tenta, por unha banda, salientar a presenza dunha organización sapiente na natureza; e por outra, afirmar a imposibilidade que o ollo humano ten para descubrir o seu sentido; todo máis, o home pode estar confiado, pois esa orde contrólaa Deus desde o comezo da creación.
A peza, de requintada e belida composición, debeu existir independentemente, e só sufriu o engadido do v. 28, escrito en estilo prosaico e ton ortodoxo, que emprega o nome "Adonai" (Señor) para aludir a Deus; dato que o sitúa nunha época posterior ao debate de Xob.
**28**, 1-12 É o máis alto eloxio que na Biblia se fai dunha concreta técnica humana, a da minería. Esta pasaxe ten valor arqueolóxico ao nos introducir no mundo da explotación dos metais varios séculos antes da nosa era (cf vv. 4. 9-11).

[9]O home bótalle a man ao seixo,
altera os montes desde as raíces,
[10]nas rochas fende galerías
co ollo atento para todo o de valía;
[11]contén os mananciais dos regatos,
tira á luz o escondido.
[12]Pero a sabedoría onde se atopa?
Onde ten o seu posto a intelixencia?
[13]Non sabe o home da súa morada:
non se atopa na terra dos viventes.
[14]Di o océano: "Non está en min",
e di o mar: "Non vai comigo".
[15]Non se cambia por ouro,
nin por ela se pon prata na pesa;
[16]non se paga co ouro de Ofir,
co ónix de prezo ou con zafiros.
[17]Non a igualan nin o ouro nin o vidro,
nin se troca por ánforas douradas;
[18]non contan para ela corais e cristal da rocha,
e un folequiño de sabedoría vale máis ca as perlas;
[19]non se emparella co crisólito de Etiopía,
nin o ouro máis puro lle ten comparación.
[20]De onde sae entón a sabedoría?
Onde ten o seu posto a intelixencia?
[21]Está encuberta para todo ollo vivo,
acochada mesmo das aves do ceo.
[22]A Perdición e a Morte afirman:
"Cos nosos oídos escoitamos algo da súa sona".
[23]É Deus quen sabe do seu camiño
e quen coñece o seu posto,
[24]pois el dexerga ata os confíns do mundo
e olla todo o que existe baixo o ceo.
[25]Ao pórlle peso ao vento
e ao controlar as augas,
[26]ao darlle lei á chuvia
e un carreiro ao torbón da treboada:
[27]foi entón cando a viu e a calculou,
estableceuna despois de pescudar nela.
[28]E díxolle ao home:
"Fíxate: o temor do Señor é sabedoría,
e arredarse do mal é intelixencia".

**28**, 23-27 Teñen toda a densidade conceptual dunha proclama teolóxica: peso, medida, lei e modo de actuar dos elementos celestes (vv. 25. 26) están na man de Deus porque el dexergou o misterio da natureza.

**29-31** *O reto de Xob*. Por tres veces falara Xob en cada quenda da disputa; tres veces argüíron os amigos con razóns tiradas da teoría de escola. O debate rematou por esgotamento nun diálogo de xordos. Xob non atopou resposta. Os tres capítulos finais desta parte do poema tornan a propor de novo o seu desexo: demostración da propia inocencia e convocatoria directa a Deus para que compareza nun acareo no que se faga definitiva xustiza. O texto do poema facía seguir inmediatamente a aparición de Deus, que agora se atopa no c. **38**.

# O RETO DE XOB

**Outrora**

**29** [1]Proseguiu Xob co seu discurso, dicindo:
[2]—Quen me dera volver aos meses de antano,
a aqueles días en que Deus me gardaba!
[3]Cando a súa lámpada alumaba a miña cabeza
e a súa luz atravesaba as tebras;
[4]tal como era nos meus días mozos,
cando Deus viña facer xuntanza á miña tenda.
[5]Cando aínda estaba comigo o Omnipotente
e me rodeaban os meus fillos máis novos;
[6]cando bañaba os meus pés no leite,
e a mesma pedra me daba regatos de aceite,
[7]cando saía para a porta da cidade
e tiña na praza a miña cadeira fixa.
[8]Ollábanme os máis novos e afastábanse,
erguíanse e tíñanse en pé os vellos;
[9]os principais abstíñanse de falar,
levando a man aos beizos;
[10]acalaban a voz os dirixentes
e apegaban a lingua ao seu padal.
[11]Oído que me escoitaba, dábame parabéns,
ollo que me miraba, apoiábame;
[12]pois eu ceibaba o pobre que pedía axuda
e o orfo sen defensa.
[13]Botábame bendicións o agoniado,
exaltábame o corazón da viúva;
[14]por vestido púñame a xustiza,
o dereito foi o meu manto e turbante.
[15]Eu fun ollos para o cego
e pés para o coxo.
[16]Eu era o pai dos pobres,
preparei a defensa dos que nin coñecía;
[17]rompinlle a queixada ao inicuo
arrincando dos seus dentes a presa.
[18]Pensaba para min: Coma o Fénix morrerei no meu niño,
coma os del serán numerosos os meus días;
[19]a miña raíz chegará ás augas,
o orballo pousará nos meus gallos;
[20]a miña sona renovarase comigo,
na miña man tornará o arco a disparar.
[21]Eles oíanme e agardaban,
calaban esperando a miña opinión;
[22]nada engadían despois de falar eu:
bebían coma orballo as miñas razóns;
[23]desexábanme coma a chuvia temperá,
abrían a boca coma para a chuvia serodia;

**29** *Outrora*. O laio cheo de saudade deste capítulo vai marcado pola mención do tempo (meses antigos, aqueles días –v. 2-) e polo retornar constante das partículas temporais e verbos en pasado. O conxunto é unha peza lírica que canta poeticamente a señardade. O tempo cantado non é cronolóxico, senón o tempo denso: tempo de plenitude e felicidade. Cambiando os vv. 21-25 para despois do v. 10 (como demanda o sentido), o poema articúlase en dúas partes en razón do sentido: A) A descrición da situación de bendición (vv. 2-10. 21-25. 11); B) A razón e consecuencia que Xob tiraba desa bendición (vv. 12-20).
**29**, 14 A imaxe do *vestido* é símbolo do comportamento de toda a persoa (cf Is **11**, 5; Sal **132**, 9).
**29**, 17 O motivo da ave *Fénix*, aínda que coñecido en Occidente pola difusión helénica, era de orixe oriental e puido chegar a Israel vía Exipto: o Fénix, tras vivir cen anos, ardía co seu niño á saída do sol; das cinsas rexurdía un Fénix novo.

[24]sorría para eles e non daban creto,
non deixaban pasar un xesto meu de aprecio;
[25]decidía o seu proceder, sentado coma xefe,
púñame coma o Rei entre a súa garda,
ou coma quen consola aos acorados.

**Agora**

**30** [1]Agora, en troques, fanme burla
rapaces máis novos ca min,
fillos daqueles pais aos que eu considerara
mesmo indignos de os comparar aos cans do meu rabaño,
[2]fillos dos que nin forzas tiñan para servirme,
pois perderan os folgos para o traballo.
[3]A causa da carestía e da fame estéril
van rillando raiceiras pola estepa,
pola terra baleira e desolada,
[4]recollendo xestas e silveiras
e raigañas de uces para se quecer,
[5]desbotados de onda as xentes dos casais
que berran tras eles coma aos ladróns.
[6]Habitaban nas paredes dos barrancos,
nas covas da terra e mesmo das penas;
[7]gritan por entre os matos
facendo as súas xuntanzas nas toxeiras.
[8]Chusma e fillos de ninguén,
zorregados para fóra do país!
[9]E agora fixeron de min o retrouso das súas cántigas,
motivo das súas murmuracións;
[10]quérenme mal e afástanse de min
e non reparan en cuspirme na cara;
[11]cando afrouxou a corda do meu arco
perderon ante min todo freo.
[12]A miña dereita ergueuse a canalla, faime esvarar os pés,
lóusame o carreiro da ruína;
[13]estragan o meu vieiro, procuran que me perda:
non hai quen os deteña;
[14]entran por unha fenda moi ampla,
varrendo coma unha treboada.
[15]Vólvense contra min os medos,
esvaece coma o vento a miña dignidade
e fuxiu coma nube a miña sorte.
[16]Agora derrétese o meu ánimo,
acóranme os días da anguria,
[17]fura a noite nos meus ósos,
non dormen os que me torturan;
[18]pois El con violencia cólleme da roupa
cíngueme arredor coma o colo da túnica;
[19]guíndame despois na lama,
xa semello po e mais cinsa.
[20]Bérroche socorro!, e non me fas caso;
póñome diante de Ti, e nin me consideras.

**30** *Agora*. A esperanza confundida resoa nas tres baladas do "agora" (vv. 1. 9. 16) que atravesan a lamentación pola sorte presente de Xob. Escarnio e burla dos máis infames (vv. 1-15) e dor da enfermidade producida por Deus (vv. 16-31) enchen un longo e lento matinar na desgraza presente.

**30**, 6 Os "wadis" son os regatos e corgos que se forman no tempo das chuvias nas abas dos montes que dan ao deserto; no verán están secos e son abeiro de bestas e feras.

**30**, 9 Os ditos contra os seres incivís da estepa son comúns a todo o Oriente, incluídas as tribos nómades.

21 Trocácheste no meu verdugo,
con man dura volvícheste o meu inimigo;
22 álzasme ao vento e fasme cabalgalo
e déixasme randeado pola galerna.
23 Ben sei eu que me estás a levar cara á morte,
adro das xuntanzas de todo canto vive.
24 Non tende a man o que afoga,
non berra socorro!, na súa desesperanza?
25 Acaso non chorei co coitadiño
ou non tiven piedade co pobre?
26 Abofé que, agardando o ben, chegoume o mal
e agardando a luz, apareceume a tebra.
27 Reméxenseme as entrañas sen acougo,
viñéronme en contra días de tristura;
28 lonxe do sol camiño, facendo o pranto,
érgome na reunión pregando axuda;
29 convertinme no irmán dos chacais
e no veciño das avestruces;
30 cáeseme a pel denegrida,
férvenme os ósos coa febre;
31 tanxe co loito a miña cítola,
e a miña frauta acompaña o pranto.

**Prego de descargo**

**31** 1 Cos meus ollos fixen trato
de non andar fitando as mozas.
2 Que sorte garda Deus desde o alto?
Cal é a herdanza do Omnipotente desde as alturas?
3 Non é se cadra a desgraza para os inicuos
e a perdición para quen fai ruindade?
4 Non está El a albiscar os meus camiños,
levando a conta das miñas pegadas?
5 Se levo eu unha conduta va
e se me van os pés tras o engano,
6 péseme Deus nunha balanza xusta,
e saberá da miña integridade!
7 Se os meus pasos se afastan do camiño
e o meu desexo se me vai tras dos ollos,
ou se me apega algún lixo ás mans,
8 se sementei, que outro detrás o coma!,
que arrinquen de raíz os meus xermolos!
9 Se o meu corazón se enreda cunha muller
ata axexar na porta dun amigo,
10 que moia a miña muller para outro
e se deiten os alleos con ela!

**31** *Prego de descargo*. Rematando o laio cos cc. **29-30**, o c. **31** retoma o aspecto da defensa cunha confesión negativa, que ten a súa orixe remota nos discursos de exculpación exipcios diante do tribunal de Osiris durante o xuízo dos mortos. En Israel esta forma literaria apropiábase para os xuramentos de pureza cúltica ou para as pregarias dos acusados (cf Sal **5**; **7**; **17**; **26**). En Xob recupera a súa orixe xudicial, xa como esconxuro condicionado, xa como maldición.
O texto ofrece moitas dúbidas. En razón do sentido, trasládanse os vv. 38-40 tras do v. 34. O v. 28 podería ser glosa escandalizada dun escriba piadoso.
Os vv. 2-3 deixan en claro un aspecto que moitas veces foxe nunha lectura precipitada do libro, e é que Xob no fondo está a presentar a súa protesta de inocencia, en base a unha concepción da retribución moi semellante á dos amigos: Deus tiña que obrar ben co xusto na terra. O feito de que non o faga así con el, é o seu motivo de escándalo. É importante non deixar de vista este dato no momento de interpretar axeitadamente a intervención de Deus.
**31**, 4c É sen dúbida unha nota editorial, motivada pola introdución dos capítulos seguintes, alleos ao orixinal do poema.
**31**, 6 A imaxe do peso na balanza ten antiga orixe no xuízo dos mortos na cultura exipcia.

[11]Pois facer tal sería unha infamia
e un delito para levar ao xulgado,
[12]un lume que roe ata a perdición
e que había consumir todo o meu haber.
[13]Se neguei o dereito do meu servo
ou da miña criada ao rifaren comigo,
[14]que vou facer cando se erga Deus?,
que lle hei responder cando me pregunte?
[15]Quen me fixo no ventre, non o fixo tamén a el?
Non formou no seo a entrambos do mesmo xeito?
[16]Se lle neguei ao pobre o seu degoiro
e deixei que se consumisen os ollos das viúvas;
[17]se comín o meu pan gardándome dos outros
e o orfo non puido morder nel,
[18]por certo que desde a mocidade o criei coma un pai
e o conducín desde a miña infancia;
[19]se ollei alguén esmorecido sen roupa,
a algún pobriño sen cobertor,
[20]e non me bendiciron os seus lombos
cando os quecín coa la dos meus cordeiros;
[21]se alcei a miña man contra un xusto
por ver amigos meus no tribunal,
[22]que das costas se esgace o meu ombreiro!,
que caia o brazo do meu cóbado!
[23]Pois había vir o terror de Deus sobre min
e non resistiría a súa maxestade.
[24]Endexamais non puxen no ouro a esperanza
nin chamei aos lingotes: o meu creto.
[25]Non me alegrei por ter moita facenda
nin de que fose de peso o meu prestixio.
[26]Nunca fitei para o sol no seu cénit
nin para a lúa cando camiña esplendorosa;
[27]non cedín á tentación de os adorar
botándolles bicos coa man.
[28](Ese é tamén un crime procesable,
pois é renegar do Deus de arriba).
[29]Non gocei da desfeita dun inimigo
nin relouquei cando o mal o alcanzou,
[30]e non deixei pecar a miña boca
pedindo contra el a maldición.
[31]Ben poden dicir os do meu campamento:
onde hai un que non se fartase da súa carne?
[32]O forasteiro xamais non pasou a noite fóra,
e ao camiñante abrinlle a miña porta.
[33]Non encubrín dos homes o meu erro
agochando no peto a miña culpa,
[34]por non lle ter medo ao xentío;
nin por temer a aldraxe do meu clan,
calei e non saín á porta.

**31**, 11 Esta formulación, que algúns consideran glosa, recolle unha sanción de terminoloxía xurídica (cf Os **6**, 9; Lev **18**, 17; **19**, 29; Ez **16**, 27); a sanción do adulterio vén fixada polos textos lexislativos: Lev **20**, 10; Dt **22**, 22.
**31**, 13-15 O humanismo no trato do escravo é común con Dt **5**, 14s; **12**, 18; **15**, 12-18; **23**, 16s, de fondo influxo sapiencial. A razón aludida no v. 15 supón un grande paso adiante na ética.
**31**, 26-27 Sol e lúa como divindades son frecuentes en todo o ámbito oriental; a influencia destes astros nas supersticións israelitas, sobre todo no s. VII a. C. durante o período sincretista do reino de Menaxés (cf 2 Re **21**, 3ss; **23**, 5), vén directamente do substrato cananeo, que adoraba a Xapx e Iarih.

35Quen me dera que me escoitase alguén!
Velaquí a miña sinatura! Responda o Omnipotente!
Que o meu opoñente subscriba o documento!
36Abofé que habería de levalo no ombreiro
e cinguilo coma un diadema,
37pois podo darlle conta de todos os meus pasos.
Entón achegaríame ata El coma un príncipe!
38Se a miña agra berra contra min
e se choran con ela os seus sucos,
39se consumín, sen pagar, o seu produto
tolléndolles o alento aos parceiros,
40que no sitio de trigo nazan toxos,
e no lugar da cebada medren xestas!
40cAquí rematan as razóns de Xob.

## OS DISCURSOS DE ELIHÚ

### Prólogo narrativo

**32** 1Deixaron xa os tres homes de responder a Xob, coidando que era inocente. 2Pero encheuse entón de carraxe Elihú, fillo de Baraquel o de Buz, do clan de Ram, alporizándose contra Xob, pola súa teima de levar a razón contra Deus. 3Deulle tamén a xenreira contra os tres amigos, pois non atoparan resposta, deixando a Deus por culpado. 4Aturara Elihú a Xob mentres aqueles falaban, pois eran os seus maiores, 5mais ao se decatar que ningún deles tres daba contestación, acendeuse de ira 6e empezou o seu discurso Elihú, fillo de Baraquel o buzita, dicindo:

### Introdución

–Eu son aínda novo e vós sodes anciáns,
por iso tiven reparo e medo de exporvos o meu saber.
7Pensei para min: xa falarán os de idade;
os de moitos anos han mostrar a súa sapiencia.
8Pero é un espírito no home,
un alento do Omnipotente, o que dá a intelixencia.
9Non fai sabio o ser vello
nin os anciáns cobran máis xuízo.
10Coido, logo, que tedes que escoitarme;
tamén eu hei expor o meu saber.

**31**, 38-39 A explotación inmoderada do agro vai en contra do dereito do seu único propietario, Deus; o home é mero usufrutuario dos medios de produción e da terra (cf Éx **23**, 10s; Lev **25**, 1ss; **19**, 9s; **23**, 22).

**31**, 35-40 O remate das intervencións de Xob é o desafío botado aos pes de Deus para que interveña. A acusación, presentada por escrito ao modo exipcio (v. 35), leva o "tau", derradeira letra do alfabeto, escrita daquela en forma de cruz, e valedoira como sinatura nos papiros (sobre as taboíñas babilónicas facíase o sinal co dedo). No caso de ser escoitado, Xob poderíase pasear en público coa acta da súa alegación á vista de todos (v. 36), seguro de poder dar resposta a todas as inculpacións.

**32-37** *Os discursos de Elihú*. Os capítulos adxudicados a Elihú son moi posiblemente a primeira adición feita ao libro de Xob. O seu carácter adventicio non deixa lugar á dúbida: o home como tal non vén citado nin no texto narrativo nin no poema, e ten todo o aire de ser inventado (Elihú: "El é o meu Deus"; Baraquel é o irmán de Us en Xén **22**, 21, do mesmo avoengo ca Xob). Os discursos non achegan elementos esenciais ao proceso do libro e máis ben rompen a continuidade. Doutra banda supoñen un traballo feito sobre o libro xa rematado, pois citan a Xob incluso verba a verba, empregan argumentos escollidos dos amigos, e imitan o estilo interrogativo anticipando os discursos de Iavé (cf **37**, 15-20). O estilo cede no apaixonamento e incisividade do poema, e pérdese na profusión retórica e nas frecuentes reiteracións.

O autor debeu sentirse escandalizado ante as afirmacións e insatisfeito coa intervención de Iavé, que non dicía nada da súa actitude verbo da dor do home. O que os amigos falaran tirábano da sabedoría humana da escola; Elihú tenta facer falar á sabedoría de Deus mesmo. A solución que presenta ao problema da dor, mediante a intervención do "anxo axudador" non era nova; mais nas achegas que fai a unha teoloxía da pedagoxía do sufrimento podemos descubrir algún aspecto positivo. En conxunto, os seis capítulos poden servir para testemuñar o nivel conflitivo de integración que o libro do Xob tivo desde a súa redacción no seo do movemento sapiencial. As múltiples interrupcións e consecucións non permiten considerar todo como discurso único.

[11]Vede, eu agardei mentres falabades,
e ben atento estiven ás vosas razóns
mentres procurabades as palabras,
[12]e por máis que vos considerei,
ninguén de vós corrixiu a Xob refutando os seus ditos.
[13]E non me veñades dicindo: "Nós temos a verdade;
a el xa o refugará Deus, e non un home".
[14]Aínda non discutiu comigo as súas razóns
nin vou eu responderlle coas vosas palabras.
[15]Achantaron eles sen engadiren ren;
fuxíronlles as palabras.
[16]Pero seica vou eu agardar cando eles xa non falan,
cando eles fican quedos sen replicar de novo?
[17]Voulle contestar da miña parte
e exporlle tamén eu o meu saber:
[18]que estou cheo de razóns
e a inspiración púxame por dentro.
[19]Velaí o meu corazón: é coma viño pechado
que fai estoupar os foles novos:
[20]hei falar para me dar un respiro,
abrirei os meus labios coa resposta.
[21]Non me porei da parte de ningún
e a ninguén vou agasallar,
[22]pois non sei adular;
se tal fixese, léveme o creador.

**Discurso primeiro**

**33** [1]Pois ben, escoita, Xob, as miñas razóns
atende os meus discursos.
[2]Fíxate, estou a abrir a miña boca,
o que vai dicir a lingua xa está no meu padal:
[3]sonche palabras sabias dun corazón sincero,
o que os meus labios falen será auténtico e verdade.
[4]Fíxome o alento de Deus
e deume vida o sopro do Omnipotente.
[5]Se é que podes, respóndeme;
prepárate, ponte de pé diante de min:
[6]Velaí, para Deus son eu tanto coma ti,
tamén eu fun formado da lama.
[7]Non te vou arrepiar co meu tremor,
non premerá sobre ti o meu peso,
[8]pero ti dixeches ante os meus oídos,
e eu percibín, este son das túas palabras:
[9]"'Estou limpo e sen delito,
son inocente e non teño pecado,
[10]mais El procura motivos contra min
e cóntame entre os seus inimigos,
[11]méteme os pés no cepo,
espía todos os meus vieiros".
[12]Niso non levas razóns: respóndoche eu,
que Deus é meirande ca o home.
[13]Como é que lle fas tal acusación:
non respondeu nin a unha das miñas razóns?
[14]Deus fala de xeitos moi diversos,
só que un non se decata.

15 Nos soños, na visión nocturna,
cando cae o sopor sobre os homes
ao durmiren no seu leito,
16 abre entón El os oídos humanos
e amedréntaos coa súa represión
17 para afastalos dos seus feitos malos,
e preservalos da soberbia humana,
18 aforrándolles que vaian dar na cova
e que as súas ánimas atravesen a canle da morte.
19 E tamén os corrixe coas dores no leito,
cunha agonía dos ósos, que non cesa;
20 nos seus antollos o xantar dálles noxo,
a súa boca refuga as lambetadas;
21 mírranselles as carnes ata desaparecer,
vénselles os ósos que antes non se vían;
22 a alma achégaselles á cova,
a súa vida aos mensaxeiros da morte;
23 mais se encontra algún anxo ao seu carón,
un mediador, un de entre os Mil,
dos que lle din ao home a súa obriga,
24 terá piedade del e dirá:
"Déixao ceibe, e que non baixe á cova,
pois teño eu disposto o seu rescate".
25 Daquela medrará en xuventude o seu corpo
e tornarase coma nos seus días mozos,
26 cando lle rogue a Deus, halle ser propicio,
verá o seu rostro entre aturuxos,
mentres lle anuncia ao home a súa saúde.
27 Cantará diante da xente e dirá:
"É certo que pequei e torcín o dereito,
pero Deus non me deu o merecido;
28 salvoume cando ía dar na cova,
e a miña vida viu a luz".
29 Este é o xeito de como actúa Deus
unha e outra vez para co home,
30 facéndolle saír a alma da tumba
e iluminándoo coa luz da vida.
31 Atende, Xob, e escóitame,
fica calado mentres eu che falo;
32 se tes algo que responder, dío,
pois gustaríame darche a razón.
33 Pero se non, escóitame;
cala, e heiche ensinar sabedoría.

**33**, 14-25 Deus fala de xeitos moi varios (v. 14): a) nos soños e visións (vv. 15-18), b) por medio da dor (vv. 19-25). O feito de admitir unha instrución interior de Deus por medio dunha revelación persoal, aínda que visións e soños fosen de sempre acontecementos espirituais en Israel (cf Xén **20**, 3; **28**, 12-15; Xuí **7**, 13s; 1 Re **3**, 5-14) supón unha novidade.

**33**, 18 A *canle*, río que flúe entre o reino dos vivos e o dos mortos en moitas mitoloxías, é símbolo da morte.

**33**, 23-24 O anxo avogado, non estraño no A. T. (cf Tobías), ten piedade do home, explícalle o que significa o sufrimento e intercede ante Deus.

**33**, 23 *Os Mil* refírense ao conxunto de seres que compón o cortexo celeste de Deus.

**33**, 31-33 Versos probablemente fóra de lugar; cf **35**, 2.

**Discurso segundo**

**34** [1]Seguía falando Elihú e dixo:
[2]–Sabios, escoitade as miñas palabras,
dádeme oídos os que moito sabedes!
[3]Igual que a orella pode distinguir palabras
e o padal saborea o que come,
[4]podemos nós probar o que é dereito
recoñecer por nós o que sexa bo.
[5]Foi Xob mesmo quen dixo: "Son inocente,
é Deus quen altera o meu dereito;
[6]aínda que teño a razón, paso por trouleiro;
vou ferido de frecha sen culpa da miña parte".
[7]Que home hai coma Xob
que beba o escarnio coma auga,
[8]sempre de camiño para a xuntanza dos malfeitores,
sempre na rúa a carón dos malvados?
[9]Di para si: "Non trae vantaxe ningunha
o darlle gusto a Deus".
[10]Por iso, vós, asisados, oíde:
lonxe de Deus o ser culpable,
lonxe do Omnipotente o obrar inxusto,
[11]xa que conforme fai o home así paga,
e segundo a súa conduta retribúeo.
[12]Abofé que Deus non pode obrar o mal
e que o Omnipotente non torcerá o dereito.
[13]Quen lle encomendou a El a terra
e quen lle decretou o cargo do universo?
[14]Con só que El decidise
retirar o seu espírito e o seu alento,
[15]afogarían todos os viventes
e o ser humano volvería ao po.
[16]Se tes entendemento, escoita isto,
presta atención ao son das miñas palabras:
[17]Podería gobernar quen refuga o dereito?
Condenarías ti a quen é xusto e poderoso?
[18]Chamarías ti badoco ao rei
e diríaslles aos nobres criminais?
[19]A El, que cos principais non ten favoritismo,
que non se pon da parte do podente contra o pobre,
pois todos eles son obra das súas mans.
[20]Morren de súpeto á media noite,
expiran os podentes e pasan;
o forte cede o posto sen que o toque ningunha man.
[21]Pois os seus ollos dexergan os vieiros humanos
albiscando todos os seus pasos;
[22]non hai sombra nin tebras
onde os malfeitores poidan agocharse,
[23]xa que Deus non lle dá ao home un prazo
para vir onda El a xuízo.
[24]Desfai os violentos sen máis consideracións
e no seu posto dálles o cargo a outros,
[25]porque pescuda todos os seus feitos
alterándoos de noite ata os esnaquizar;
[26]malla neles como se estivesen presos,
onde todos os vexan,
[27]por deixaren de seguilo
e por non matinaren nos seus camiños,

[28]facendo chegar a El os salaios dos pobres,
facéndolle escoitar os choros dos oprimidos.
[29]E se El fica inmóbil, quen o moverá?
e cando esconde a face, quen o contemplará,
a El que vela sobre as nacións e os homes
[30]para que non reine o inicuo
nin lle poña trampas ao pobo?
[31]Terá Deus que dicirche:
"Errei, mais non tornarei facer o mal;
[32]non vin o que facía, ensíname ti;
e se obrei o mal, non o repetirei?".
[33]Ha de retribuír El como ti pensas cando condenas,
xa que es ti quen decide e non eu?
Fala, se tanto sabes!
[34]Mais homes asisados hanme responder
xunto cos sabios que me escoiten:
[35]"Xob está a falar do que non sabe
e as súas razóns van sen xeito.
[36]Deberá ser probado Xob ata o remate
por contestar como fan os impíos,
[37]pois engade outra culpa ao seu pecado
e aínda fai festas diante de nós
multiplicando palabras contra Deus".

**Discurso terceiro**

**35** [1]Falou de novo Elihú:
[2]–Coidas que es xusto ao dicires:
"Levo eu razón e non Deus?".
[3]E engades: "Que proveito tiro eu?
En que me axuda o non ter pecado?".
[4]Vouche responder eu coas miñas palabras,
e aos teus amigos tamén.
[5]Olla para o ceo e mira;
fita as nubes tan altas por riba de ti!
[6]Por máis que peques, que mal lle vas causar a El?
Por moito que te rebeles, que lle vas facer?
[7]Se es bo, que é o que lle dás
ou que vai recibir da túa man?
[8]Se a alguén danas, é a un home coma ti;
e se fas xustiza, é a outro ser humano.
[9]Hai quen se laia das moitas opresións
e clama socorro ante a forza dos potentes;
[10]pero ninguén di: "Onde está o Deus que me creou,
o que repón as forzas pola noite,
[11]que nos dá leccións coas bestas da campía
e nos fai máis aleutos ca os paxaros do ceo?".
[12]Outros dan gritos, e ninguén responde
diante da soberbia dos malvados.
[13]Pero Deus non escoita a vaidade,

**34**, 31-33 O consello de Elihú a Xob neste discurso (vv. 31-33) vai cargado de sarcasmo e formulado nun estilo directo, que debeu escandalizar aos copistas, que transcriben un texto moi dubidoso. Outras versións poñen esas verbas na boca de Xob, como unha confesión, o que suporía da parte de Elihú unha chamada á conversión.
**34**, 34 O ton inquisitorial dun grupo conservador de sabios, que puido ser autor desta confutación, déixase escoitar neste verso.
**35**, 2 O texto é máis breve, e endereitado de novo cara a Xob, co finxido respecto formal da disputa entre escolantes (cf **33**, 32); mais logo, diríxese a solución "aos teus amigos" (v. 35, 4), que ben poderían comprender, na súa consciente ambigüidade, os defensores do libro, opoñentes do autor destes capítulos.

o Omnipotente non se dá por sabedor.
14Cando ti dis: "Non me atende";
xa ten presente o caso: espera nel!
15Mais agora, como a súa ira non castiga
e non está El a coidar das transgresións,
16Xob enche a boca con tolemias
e amorea as súas palabras sen siso.

**Discurso hímnico**

**36** 1Dixo Elihú deseguido:
2–Sopórtame un intre, voute instruír:
aínda teño palabras a prol de Deus.
3Desde lonxe achegarei o meu saber,
dareille a razón ao meu Facedor,
4pois non hai engano nas miñas verbas
e tes ante ti a un que as sabe todas.
5Certo que Deus é poderoso,
mais non rexeita aos de conduta sincera;
6non deixa con vida aos malvados
e failles xustiza aos pobres;
7non afasta os seus ollos dos xustos,
séntaos cos reis no trono,
exáltaos para sempre;
8e cando están presos con cadeas,
amarrados con cordas que os contristan,
9ponlles diante as súas obras,
os pecados con que se insolentaron:
10ábrelles os oídos á corrección
e anímaos para que se arrepintan.
11Se o obedecen e serven,
rematan os seus días felizmente
e os seus anos nas delicias.
12Se non o escoitan, pasarán a canle da morte,
expirarán sen se decataren.
13Pero os malvados anóxanse rancorosos,
non claman socorro cando os encadea.
14Morre deste xeito a súa alma aínda nova
e a súa vida cando son mozos,
15mais El ceiba ao coitado da súa coita,
ábrelle o oído co sufrimento.
16En canto a ti, ben que te librou da anguria,
púxote nun espazo sen estreituras,
a túa mesa estaba chea de manxares.
17Con todo, ti non xulgaches a causa do malvado,
negácheste a defender o dereito do orfo.
18Ten ollo non te seduza a abundancia,
non te dobregue unha dádiva copiosa!
19Nunha liorta con El, hanche valer os teus bens
ou todos os recursos da túa riqueza?
20Non suspires por aquela noite
na que pobos enteiros serán arrincados!
21Gárdate de te volver para o mal,
pois xa outrora prefiriches rebeldía a sufrimento!

**36**, 1-**37**, 13 *Discurso hímnico*. A unidade destes capítulos é en parte froito da perplexidade. O conxunto é produto dunha acumulación non ben lograda de materiais e xéneros diversos, que non se axeita á estrutura uniforme dos discursos anteriores.

22 Velaí o Deus que é sublime no seu poder.
Quen é o mestre que se lle asemella?
23 Quen lle corrixe a conduta
ou quen lle di: "Fixeches unha boa!?".
24 Lémbrate de loarlle os seus feitos,
que toda a xente canta!
25 Todo humano o contempla,
todo home o observa desde lonxe.
26 Deus é máis grande do que coñecemos,
non hai quen leve a conta dos seus anos,
27 pois El deixa caer as pingas de auga
a esvarar coma chuvia desde o ceo,
28 orballando desde as nubes
petando a chuvieira contra o chan.
29 Quen entende o pendurar das nubes
colgantes da súa tenda?
30 Por riba delas esténdese a súa luz,
nas raíces do mar pon o seu trono.
31 Por medio delas alimenta á xente
dándolles xantar abondo.
32 Coas dúas mans aferra o lóstrego
para guindalo dereito contra o branco.
33 Anúnciao por diante o seu tronar,
ao encirrar a súa xenreira contra a maldade.

**37**

1 Por iso o meu corazón treme
e sáltame fóra do sitio.
2 Oíde o son da súa voz tronante,
o balbordo que sae da súa boca!
3 Dispara o raio por embaixo do ceo
e chega o lóstrego ata os confíns da terra;
4 tras del vén o bruar do trono
retumbando coa alteza da súa voz;
non se contén o lóstrego
cando se empeza a oír a treboada.
5 Amósanos Deus as súas marabillas,
fai prodixios que nós non comprendemos.
6 Dille á neve: "Cae no chan!";
ao orballo e á chuvia: "Sede fortes!".
7 Encerra os homes todos coma nun curro,
para que a humanidade coñeza os seus feitos.
8 As feras foxen para os seus recunchos,
atóbanse nos seus cubís;
9 sae a galerna da súa alcoba
e a xeada dos seus piornos;
10 co sopro divino fórmase o xeo
e calla todo ao longo das augas.
11 Tamén é El quen lles dá humidade ás nubes
e fai xurdir o raio dos nubeiros,
12 que se moven arredor
e van e veñen segundo os goberne,
cumprindo todos os seus mandatos
sobre a face do orbe:

**37**, 33 Este v. é diversamente interpretado; outra versión posible é: "Na súa xenreira crea a tempestade e polo tronar anuncia a súa chegada".

**37**, 7 A versión literal di: "Pon un selo nos brazos de todo humano", no sentido de control e imposibilidade de actuación.

[13]sexa para castigar coa vara,
sexa para favorecer, eles sempre dan no fito.

**Conclusión**

[14]Escoita todo isto, Xob,
ponte en pé e pescuda as marabillas de Deus!
[15]Entendes ti como dispón Deus deles todos
e como fai brillar os lóstregos no neboeiro?
[16]Que sabes ti do cimbrarse das nubes,
marabilla dunha ciencia insondable?
[17]Ti, a quen xa queima o vestido,
cando a terra adormece baixo o vento do sur.
[18]Tendiches ti con El a cúpula celeste,
impenetrable coma un espello fundido?
[19]Aconséllanos ti o que lle teñamos que dicir!
Non atopamos razóns na nosa ignorancia.
[20]Coidas que o informarán, se eu lle quero falar;
que llo comunican cando un home di algo?
[21]Se xa agora non hai quen mire o sol
cando resplandece no ceo
ao pasar o vento e varrelo!
[22]Do norte vén un resplandor dourado,
a tremenda maxestade arredor de Deus!
[23]Nós non alcanzamos ao Omnipotente,
que é sublime en poder e dereito
e non destrúe a súa orde grandiosa!
[24]Por iso tremen ante El todos os humanos
e non ten en conta aos que se cren sabios.

## A RESPOSTA DE DEUS

**Título e introdución**

**38** [1]Entón respondeulle Iavé desde o trebón:
[2]—Quen é este que escurece o meu plan
cunha leria sen tino?
[3]Cingue os lombos coma un home!
Vouche preguntar para que ti me ensines:

**37**, 21c Pode ser unha glosa explicativa.
**37**, 22 Este verso parece suxerir xa a teofanía que vai seguir.
**38**, 1-**42**,6 *A resposta de Deus*. Despois do inciso de Elihú prosegue o texto do tema que remataba no c. **31** co reto final de Xob (vv. 35-37). A intervención de Deus era obvia e viña demandada polos laios e rogos de Xob. O que non era previsible era o xeito da resposta e o xénero empregado nela. Esperaríase un pronunciamento directo ou ben unha alusión hímnica indirecta; en troques sae ao encontro unha instrución sapiencial articulada no contexto global dun discurso de disputa. A instrución céntrase en temas de sabedoría da natureza, elaborados cunha riqueza descritiva que fai do texto unha obra mestra e un poema.
O texto na súa materialidade sufriu algúns trastornos e acrecentamentos. De feito, o paso **40**, 15-**41**, 26 disloca a estrutura lóxica dos cc. **38**-**42** con dúas longas descricións detalladas de animais "curiosos": O hipopótamo e o crocodilo.
Doutra banda, o poema sobre a avestruz (**39**, 13-18) parece fóra de lugar.
Estas mutacións na disposición influíron noutras anomalías e repeticións de tipo redaccional como son **40**, 1; **40**, 6; **42**, 1 (cf **38**, 1-3; **40**, 4) e en dobres de vv. como **40**, 7; **42**, 3a.4 (cf **38**, 2. 3). Unha disposición harmónica e non forzada sería a seguinte:
1.º Intervención de Iavé:
**38**, 1 Título. **38**, 2-3 Introdución. **38**, 4-**39**, 30 Sección central: (Deus creou o mundo: **38**, 4-15; abrangue e coñece o universo: **38**, 16-24; dirixe e goberna a creación: no ceo: **38**, 25-38; nos viventes da terra: **38**, 39-**39**, 30). **40**, 2. 8-14 Conclusión.
2.º Acatamento de Xob: **40**, 3-5; **42**, 2-3. 5-6.
Coa súa interrupción, **40**, 15-**41**, 26 introducen a pintura dos grandes animais marabillosos.
**38**, 1 Introduce un discurso divino con toda a solemnidade dunha teofanía desde o "furacán". Trátase polo tanto da imaxinería propia da tradición das "aparicións" (cf Ez **1**; Sal **18**; 97) e en concreto da dos xuízos divinos (Is **29**,

### Iavé creou o mundo

[4]Onde estabas cando fundei a terra?
Dimo, se tes tanto siso!
[5]Quen lle deu as proporcións, se é que o sabes?
ou quen lle tendeu por riba a corda de medir?
[6]Onde afincan os seus alicerces?
Quen colocou a súa pedra angular
[7]entre o choutar dos luceiros do abrente
e os aturuxos dos seres celestes?
[8]Quen pechou os portóns do mar
ao xurdir debruzándose do seo materno,
[9]cando lle impuxen coma embozo as brétemas
e o envolvín en néboas coma panos?
[10]Daquela marqueille os límites
e asegureille os ferrollos e as portas,
[11]e díxenlle: "Ata aquí has chegar e non pasar.
Aquí han rematar as túas altas ondas".
[12]Cando, na túa vida, mandaches no abrente
ou lle fixeches saber o seu lugar á aurora,
[13]para que aferrase a terra polas abas
e sacudise dela aos malvados,
[14]para que tome forma coma a arxila baixo o selo
e se tinga de cor coma a roupa;
[15]para que se lles negue aos impíos a luz
e se lle rompa o brazo ao malvado?

### Iavé abrangue e coñece o universo

[16]Teste achegado aos mananciais do mar?
Paseácheste pola canle do océano?
[17]Descubríronseche os cancelos da morte?
Ollaches os portóns das tebras?
[18]Pescudaches ti as longuras da terra?
Cóntamo se é que o sabes todo!
[19]Cal é o camiño onde mora a luz
e onde habita a tebra,
[20]para que as poidas levar ata os seus eidos,
coñecendo os vieiros do seu casal?
[21]Tal debes ti saber, pois xa para entón naceras
e a cifra dos teus anos son milleiros!
[22]Achegácheste aos celeiros da neve,
axexaches nos piornos da sarabia,
[23]que eu conservo para o tempo da aflición
e para o día da loita e da guerra?

6; **66**, 15; Ez **13**, 13; Sal **83**, 16). A citación do nome de Iavé, en vez do habitual "Deus" dos ciclos do poema, é significativa: Non é a "divindade" das disputas sapienciais, senón o Deus de Israel quen acode á cita.

**38**, 2-3 A introdución vai directamente ao nó do problema. Xob cos seus argumentos escurece o plan total de Deus na creación e na historia (cf Is **11**, 2; **19**, 17; **28**, 29; Pr **8**, 14; **21**, 30). Os amigos buscan unha forza maquinal do destino (coma a Maat exipcia ou o Logos grego); Xob acode a un Deus persoal que resolva o seu problema. Deus aludirá a un universo sempre máis descoñecido e ao Deus sempre maior. En consecuencia devolve a Xob o reto (v. 4) e prepárao a unha demostración "a fortiori", de menos a máis.

**38**, 4-7 O fundamento da terra é presentado como obra de construción e consolidación (cf Is **48**, 13; **51**, 13. 16).

**38**, 7 *Os seres celestes* son os "divinos" (*bene Elohim*), membros inferiores do panteón que acompañan a Deus na festa de creación. Imaxes de iluminación mestúranse coas tradicionais míticas de control da forza do caos.

**38**, 10 *Límites*, "marcas", "cerca" (huk) posibles denominacións do decreto ou lei natural (cf Xer **5**, 22; **33**, 25; Pr **8**, 29).

**38**, 12 As tebras, forzas do mal, emparéllanse cos malvados que nelas actúan. *O abrente* ten a dobre función de sacudir o cobertor da terra para desbotar de si os lixos da noite, e de colorar de rosa o mundo (arxila, roupa tinguida de púrpura).

**38**, 16-24 Iavé abrangue e coñece o universo.

**38**, 17 Podería estar facendo alusións ás múltiples portas do xeol, conforme a mitoloxía babilónica.

[24] Onde é o lugar no que se parte o vento?
Onde se esparexe o soán pola terra?

**Deus dirixe e goberna a creación**

[25]Quen lles arou a canle ás chuvieiras
e o vieiro ás chispas da treboada,
[26]para que chova na campía erma,
na estepa onde non hai ninguén,
[27]fartando así páramos e desertos,
para que agromen as herbas na estepa?
[28]Ten pai a chuvia?;
ou quen xerou as pingotas do orballo?
[29]De que ventre saíu o xeo
ou quen pariu a xeada do ceo,
[30]cando a auga endurece coma pedra
e se conxela a superficie do océano?
[31]Es ti quen amarra as cadeas das Pléiades
ou quen desata os lazos do Orión?
[32]Fas ti xurdir ao seu tempo a Coroa
ou guías ti a Osa cos seus fillos?
[33]Coñeces ti por caso a lei do ceo
ou decretas as normas que van rexer na terra?
[34]Erguerás ti a voz ata as nubes
para que un ballón de auga te alague?
[35]Mandas ti nos lóstregos, e vanse
para dicirche ao remate: "Xa estamos de volta"?
[36]Quen lle deu a sabedoría ao ibis
e o seu instinto ao galo?
[37]Quen conta sabiamente as nubes?
e quen envorca as sellas do ceo
[38]cando o po se funde en lama
e se apegan os terróns os uns cos outros?
[39]Cázaslle ti a presa da leoa
ou fártaslle a fame dos cachorros,
[40]cando se agochan nas súas covas
ou axexan deitados entre as silvas?
[41]Quen lle asegura ao corvo a súa mantenza,
cando berran a Deus as súas crías
toleando por non teren que comer?

**39** [1]Sabes ti cando pare a cabra montesa?
Puideches observar a cerva nas súas dores?
[2]Contácheslles os meses de preñez?
Sabes cando lles vén o intre do parto?
[3]Dóbranse, dan saída aos seus fillos
e libéranse das crías.
[4]Os pequenos collen forzas e medran,
foxen e xa non volven.

**38**, 31-32 As estrelas imaxínanse penduradas ou traspasadas por cordas ou cadeas para que sigan o seu camiño. Os nomes dos astros son correspondencias aproximativas baseadas nalgunhas denominacións árabes similares.
**38**, 36 O *ibis* e o *galo* van citados en canto sabios precursores da tormenta.
**38**, 39ss O motivo do alimento das feras salvaxes, como ilustración da providencia, é frecuente nos salmos (**104**, 14s. 21. 27; **145**, 15s; **147**, 9) e pode provir do famoso Himno ao Sol, do faraón herexe Ak-en-atón.
**39**, 1 *Cando*: "tempo xusto" (*et*), o momento predeterminado por excelencia, é o tempo de dar a vida; Deus tamén coida del. Cítanse catro animais, exemplo de vida silvestre e indomable: león, corvo, cabra montés, cerva.

[5]Quen deixou ceibe ao asno salvaxe,
quen lle soltou as cinchas ao onagro,
[6]a quen lle dei por eido a estepa
por morada as chairas salitrosas?
[7]Rise do xentío da cidade,
non ten que oír os berros do arrieiro;
[8]esculca os montes á procura do pasto,
procura o verde onde queira que estea.
[9]Vaite querer servir o touro bravo?
Pasará a noite no teu cortello?
[10]Manteralo da corda no teu suco?
Vai el arar as leiras tras de ti?
[11]Fíaste del porque ten moita forza
e descargas nel o teu traballo?
[12]Confías en que torne
para recoller o gran da túa eira?
[13]As ás da avestruz baten á présa,
aínda que non teñan plumas coma a cegoña?
[14]Deixa polo chan os ovos
a quecer entre o po
[15]e non coida que un pé os pode esmagar
ou tripar neles unha fera salvaxe.
[16]É cruel cos seus fillos, como se non fosen dela,
non lle importa ter sufrido de balde,
[17]xa que Deus lle tolleu a sabedoría
e non lle deu parte na intelixencia.
[18]Mais cando ergue o voo,
burla a cabalo e cabaleiro.
[19]Dáslle ti o brío ao cabalo?
Revísteslle de crinas o pescozo?
[20]Ensínaslle a saltar coma a lagosta?
O seu bufar altivo é abraiante!
[21]Dá patadas de ledicia no chan
e lánzase ao encontro das coirazas;
[22]rise do medo, e ninguén o aterra,
non dá volta ante a espada;
[23]por riba del sona a alxaba,
a punta da lanza e mais o alfanxe;
[24]cun tremer de estrondo corre a terra,
non se detén por máis que soe a trompa;
[25]cando escoita o clarín responde: "Veña!";
de lonxe venta a loita,
o bruar dos xefes e o grito de guerra.
[26]Es ti quen lle ensina a voar ao falcón,
tendendo as ás no vento do sur?
[27]Remonta a aguia por orde túa,
e coloca elevado o seu niño?
[28]Nas rochas vive e fai a morada,
nos curutos das penas ten a súa atalaia;

**39**, 5-12, 19-25 Liberdade, forza e valentía (onagro, touro, cabalo; cf Xén **16**, 12; Dt **33**, 17; Éx **15**) son don de Deus, din estes poemas, máis detallados ca as listas anteriores. *O onagro* ou asno montés mora na *arabah* (v. 6), estepa e terra salgada do sur da Palestina (cf Xer **17**, 6) en torno ao mar Morto. *O touro bravo*, obxecto prezado de caza dos reis orientais, non puidera daquela aínda ser domeado para traballar no campo. *O cabalo* aludido é o cabalo especialmente adestrado para a guerra; a súa descrición cóntase entre as xoias literarias do libro, pola súa viveza e concreción. Unha imaxe inversa á do v. 20 atópase en Xl **2**, 4.
**39**, 13-18, 26-30 A velocidade e a distancia dominan as descricións da avestruz, o falcón e a aguia. A descrición da avestruz vai marcada pola acostumada referencia ao seu descoido cos ovos; por iso vai contraposta á cegoña, en hebreo *hasidah* (= a piadosa).

[29]desde alí axexa a presa,
os seus ollos pescudan desde lonxe;
[30]as súas crías desexan zugar o sangue,
e onde haxa cadáveres, alí está.

**Conclusión do discurso de Deus**

**40** [1]Engadiu Iavé falando con Xob:
[2]–Quere porfiar o censor do Omnipotente?
O que corrixe a Deus, que lle responda!
[3]Respondeulle Xob:
[4]–Eu son un home feble, que che hei responder?
porei a miña man sobre a boca.
[5]Xa falei unha vez, non replicarei;
dúas veces, nada engadirei.
[6]Respondeu Iavé a Xob desde o trebón:
[7]–Cingue os teus lombos coma un home;
vouche preguntar para que ti me ensines:
[8]Vas en verdade anular o meu dereito?
Declárasme culpable para saíres ti inocente?
[9]Tes ti un brazo coma o de Deus
ou atrona a túa voz coma a súa?
[10]Anda, vístete de gloria e maxestade,
envólvete nun esplendor glorioso!
[11]Derrama a furia da túa carraxe,
bota unha ollada aos soberbios e abáteos!
[12]Olla para os altivos e humíllaos,
esnaquiza os impíos onde estean,
[13]afúndeos todos a eito no po,
encadéaos no máis oculto!
[14]Entón tamén eu te hei loar:
"De certo que a túa dereita che deu o triunfo!".

**Instrución das bestas monstruosas**

[15]Mais olla para o hipopótamo,
a quen eu fixen igual ca ti;
pace na herba coma os bois;
[16]pero observa a forza dos seus lombos,
a potencia nos músculos do seu ventre.
[17]Ergue o rabo coma un cedro,
os tendóns das súas coxas entretécense;
[18]ten os ósos coma tubos de bronce,
articulacións coma varas de ferro:
[19]é do mellor que Deus produciu,
só o creador pode aplicarlle a espada.
[20]Apórtanlle o seu xantar os montes,
onde brincan as feras montesías;

**40**, 2.8-14 *Conclusión do discurso de Deus*. O argumento divino nega a paridade de coñecemento e de entidade, que sería a única para xustificar un acareo (a transcendencia vai descrita en termos de poder, maxestade e xustiza insubornable); refire polo tanto ao misterio do ser e de Deus. Suprímanse na lectura as transicións artificiosas dos vv. 1 e 3 e a repetición dos vv. 6 (cf **38**, 1) e 7 (cf **38**, 3). Os vv. 4-5 xuntaranse aos de resposta de Xob (cf **42**, 1).
40, 8 Centra a cuestión: Nin Deus nin Xob teñen por que saír culpados do debate. Xob ten que recoñecer que, en canto home, non é tal de ordenar sabiamente o mundo ("facer xustiza" vv. 11-13, privilexio real e de Deus; cf Is **2**, 12.17; **5**, 15; **10**, 33), nin ten poder de seu (v. 14; cf Xuí **7**, 2; 1 Sam **25**, 26; Éx **15**, 6; Sal **20**, 7; **74**, 11; **98**, 1).
**40**, 15-41, 26 Instrución das bestas monstruosas. Descríbense minuciosamente animais entre exóticos e fantásticos, coñecidos por viaxes (probablemente a Exipto) ou por narracións de segunda man.
**40**, 15.25 Os nomes empregados, *Behemot* e *Leviatán* suxiren os dos grandes monstros mariños do caos (cf **3**, 8), pero a descrición coincide coa do hipopótamo (vv. 15-24) e a do crocodilo (**40**, 25-**41**, 26); Behemot podería ser hebraización do exipcio "pa-ih-mew" ("boi das augas").

21déitase entre os xuncos,
agochado nos caneiros dos pantanos;
22os lotos fanlle sombra,
rodéano os salgueiros do regato.
23Por máis que o río veña cheo, non se turba,
fica confiado aínda que o Xordán lle chegue aos fociños.
24Quen poderá amarralo de fronte
ou furarlle o nariz por máis que estea no cepo?
25Podes pescar co anzol o crocodilo
ou atalo da lingua cunha corda?
26Podes pasarlle polo nariz unha liña
ou perforarlle a queixada cun gancho?
27Virá onda ti suplicarche
ou falarche con lingua agarimosa?
28Fará trato contigo,
para que o recibas coma servo perpetuo?
29Podes xogar con el coma cun paxaro
ou deixarásllelo atado ás túas nenas?
30Fará comercio del o gremio dos pescadores,
poxarano entre os mercadores?
31Ferirías de dardos o seu coiro
ou a súa cabeza con arpóns?
32Ponlle a túa man enriba:
pensa ben na pelexa, e non o farás dúas veces!

**41** 1O que del se fía engánase,
xa dunha ollada queda un derrubado;
2ninguén hai tan cruel cando o encirran;
quen lle fará fronte?
3Quen bateu con el, e saíu salvo?
Nin o primeiro baixo o ceo!
4Ninguén acalará o seu poder
nin a forza vital que é a súa defensa.
5Quen lle abriu o seu manto exterior
ou traspasou a súa dobre coiraza?
6Quen espalancou as portas dos seus beizos
rodeadas de dentes estarrecedores?
7O seu lombo ten ringleiras de placas
seladas con remaches de pedernal,
8unha a unha encaixadas;
nin o aire pasa por entre elas,
9apéganse as unhas ás outras,
tan trabadas que non se poden separar.
10O seu esbirro solta faíscas de lume,
os seus ollos son coma as pálpebras do abrente.

**40**, 23 *O Xordán* ("Iardén") podería estar a substituír a verba "Ieor", o río Nilo.
**41**, 10-13 Estes vv. repiten a fantasía mitoloxizante tipicamente folclórica de que unha serie de feras monstruosas (cóbregas, dragóns) alentan lume a faíscas pola boca. **41**, 40, 3-5; **42**, 1; **42**, 2-3c. d. 5-6 A resposta final de Xob.
Xob estaba a procurar unha divindade monstruosa para se encarar a ela no preito; botaba man, e contaba coa axuda dun Deus persoal, o seu amigo e valedor. Quen respondeu foi Iavé, o Deus vivo, curador da vida máis salvaxe e ceibe, defensor da xustiza, cun proxecto que abrangue o ser humano. Dunha orde sempre maior e máis descoñecida na natureza, faise a indución obvia a unha orde moral máis grande, onde a xustiza e a dor acadan unha síntese.
A resposta non é, polo tanto, a teórica redución ao misterio, senón a experiencia (verba iadá, en **42**, 2. 3 = coñecer por experiencia) da presenza do misterio e da realidade da constante creación da orde e da xustiza. A isto Xob reacciona con tres afirmacións nidias: a) O home fica abraiado diante desa revelación da existencia que é Deus (**40**, 2-4); b) confesa que estaba a falar cunha linguaxe limitada (**42**, 2-3); c) a experiencia feita por el é definitiva e leva a certeza do perdón e do sentido (**42**, 5-6). Esa experiencia non é formulable senón só vivenciable.

[11]do fociño sáltanlle muxicas,
xorden faíscas de lume;
[12]do seu nariz sae fume
coma dun crisol aceso e fervente;
[13]o seu bafo consome brasas,
chóutanlle labaradas do fociño.
[14]A forza resídelle no pescozo;
diante del baila o medo;
[15]ten carnes ben trabadas,
fundidas nel, e non remexen.
[16]O corazón é sólido coma un croio,
dunha peza, coma pedra de moer.
[17]Cando el se ergue, tremen os fortes,
devalan coma a marea.
[18]A espada do que o atope non resistirá,
nin lanza, nin dardo, nin frecha,
[19]pois para el o ferro é palla
e o bronce, madeira podre.
[20]Non o axota unha frecha,
e as pedras da fonda son para el coma lixos.
[21]Para el a maza é estopa,
e rise do asubío da azagaia.
[22]O seu ventre son tellas afiadas
que coma grade de ferro fan regueiros na lama.
[23]Fai ferver coma un pote os fondos,
deixa o mar coma un botafumeiro;
[24]tras el fai lucir un ronsel,
e imaxinas que o mar ten unha cabeleira branca.
[25]Non hai no mundo quen se lle semelle,
alguén coma el, creado sen medo de nada.
[26]Fai fronte a canto haxa de elevado;
el é o rei de todas as feras.

### A derradeira resposta de Xob

**42** [1]Falou Xob respondéndolle a Iavé:
[2]–Confeso que ti o podes todo
e non hai designio que che sexa imposible.
[3]Quen se arrisca a embazar un plan por ignorancia?
Por iso, falaba eu sen tino
de prodixios que non coñecía!
[4]Escoita o que che vou dicir,
preguntareiche para que ti me ensines.
[5]Coñecíate eu de oídas,
mais agora contémplante os meus ollos,
[6]por iso retiro o dito e arrepíntome
no po e na cinsa.

**42**, 7-17 *Epílogo*. Retoma aquí a narración patriarcal suspendida no cap. **2**. O texto, breve, ten unha historia máis complexa ca a do prólogo. Pódese pensar que a lenda orixinal presentaba, despois da proba narrada no prólogo e dunha exhortación á paciencia, a chegada dos "consoladores" (parentes e amigos en xeral do v. 11) e a restauración de Xob, como premio á perseveranza nos vv. 12-17. Tal era a estrutura dos poemas e narracións de "xustos sufrintes" babilonios.

Mais o que o autor-transformador fixo cos vv. 7-9 é fondamente significativo, e dá a clave moral do libro. O verdadeiro xuízo de Deus ocorre nos vv. 7 e 8: Os amigos non defenderon a Iavé, senón a un Deus segundo a propia imaxe; Xob fixo ben en demandar ata o extremo. En consideración diso, permíteselle levar a cabo a función intercesora típica de profetas e lexisladores (cf Xén **18**; Éx **32**; 1 Sam **7**, 9).

A reposición, en dous actos, humano (v. 11) e divino (vv. 12-17), recobra a vivacidade e concreción colorista da narración oral patriarcal. Os vv. 16 e 17 recollen as bendicións dedicadas aos grandes amigos de Deus (Sal **90**, 10; **91**, 16; **128**, 6; Éx **20**, 12; Xén **15**, 15; **25**, 8; **35**, 29).

**Epílogo**

[7]Despois de falar Iavé estas razóns con Xob, díxolle a Elifaz o temanita: –Férveme a ira contra ti e contra os teus dous amigos porque non falastes de min o que é debido, coma o meu servo Xob. [8]Collede logo sete vacas e sete carneiros e ide onda o meu servo Xob, para que os ofreza por vós en holocausto; e que o meu servo Xob pregue por vós, para que eu vos sexa propicio e non faga convosco un escarmento, porque non falastes de min o que era debido como fixo o meu servo Xob.

[9]Foron entón Elifaz o temanita, Bildad o xuhita e Sofar o namateo e fixeron o que lles mandara Iavé, e El escoitou a Xob. [10]Iavé trocou a sorte de Xob cando intercedía polos seus amigos, e multiplicou polo dobre todo canto Xob puidera ter antes. [11]Chegaron daquela todos os seus irmáns e as súas irmás e todos cantos o coñeceran antes, e comeron con el do pan da casa e déronlle o pésame, consolárono por todas as mágoas que Iavé lle impuxera, e déronlle cadansúa cantidade de diñeiro e aneis de ouro.

[12]Bendixo Iavé a fin da vida de Xob máis aínda ca os comezos, e chegou a ter catorce mil ovellas, seis mil camelos, mil xugadas de bois e mil burras.

[13]Tivo sete fillos e tres fillas. [14]Chamoulle á primeira Rula, á segunda Flor de Canela e á terceira Pomo de aromas. [15]Non houbo en toda a bisbarra mulleres tan belidas coma as fillas de Xob, e o pai deulles herdanza coma a seus irmáns.

[16]Aínda viviu Xob cento corenta anos despois destes sucesos, e viu os seus fillos, os seus netos e os seus bisnetos. [17]E morreu Xob vello e farto de vida.

# INTRODUCIÓN AO LIBRO DOS SALMOS

## 1. Unha colección de poemas sacros

*Os* Salmos *son cantos e oracións que compuxo o pobo da Biblia para falar con Deus. Outros pobos da antigüidade –mesopotámicos, exipcios, cananeos– crearon tamén poemas sagrados, que ensinan a comprender mellor os salmos bíblicos.*

*O nome salmo designa en grego un poema cantado ao son dun instrumento musical: a arpa, a lira, o salterio. O nome hebreo "mizmor" ten ese mesmo sentido. Mais os salmos responden tamén a outras denominacións: poemas, loanzas, oracións.*

*Quitados uns poucos do xénero didáctico, os salmos son poemas líricos. En lingua rítmica e no paralelismo acostumado –ritmo de pensamento–, expresan vivencias relixiosas da persoa e da comunidade. Na súa intención fonda son a resposta dunha e outra ao Deus que se lles mostrou no seu camiño. Son, polo mesmo, oración.*

## 2. Tempo no que xurdiron

*Os salmos naceron pouco a pouco, desde o século X ata ao III a. C. Algúns pregoan a antigüidade na súa lingua e no seu pensamento. Polas mesmas razóns, outros compróbanse recentes. Mais poucas veces é doado establecer o tempo xusto no que un salmo naceu. Só a afinidade con outros textos bíblicos de idade ben coñecida serve para fixar aproximadamente a data dun salmo.*

## 3. A autoría dos salmos e os seus títulos

*Quen compuxo os salmos? Tampouco esta pregunta ten a resposta desexada. Os nomes de persoas que levan á cabeza atribúenlle moitos deles a David, outros ás familias levíticas de Asaf e de Córah e mesmo algún a Moisés e a Salomón. Mais a análise crítica non corrobora valedoiras esas atribucións. Poucos hoxe verán aí nomes de autores, senón de coleccións feitas no nome de David, de Asaf; e do mesmo xeito os outros. Calquera que fose o primeiro autor, o pobo botou man dos salmos como seus e, ao tempo que os adoptaba, adaptábaos ás súas situacións. Ata a hora da fixación escrita non parou de os pór ao día.*

*O Libro dos Salmos, polo que vemos, non saíu dunha man nin nunha hora. No tempo da monarquía, máis aló do 586 a. C., comezaron a facerse coleccións máis ou menos voluminosas, traballo de familias sacerdotais do templo de Xerusalén e doutros santuarios. Servían a un tempo para o culto oficial e para a devoción privada. A volta do desterro, a pequena comunidade aconchegada arredor do novo templo e pregando cos salmos deulle máis présa á confección do libro.*

## 4. A numeración dos salmos

*No libro acabado tiveron acollida cento cincuenta salmos. Outros moitos están esparexidos en libros de historia, dos profetas, dos sabios, e algún no Novo Testamento. A numeración dos salmos do salterio difire dunhas a outras traducións, segundo que collan por pauta a versión dos Setenta coa Vulgata, ou a numeración do texto hebreo. Aquelas xuntaron nun os salmos 9-10 e mais os 114-115, mentres o texto hebreo divide en dous o salmo 116 e o 147. O número resultante é o mesmo. Por iso as antigas versións e as que as seguen van por detrás nunha unidade desde o salmo 9 ao 147. Nós adoptamos a numeración do hebreo, coa outra entre parénteses.*

## 5. Estrutura do salterio

*Seguindo a división do Pentateuco, a liturxia da sinagoga dividiu o salterio en cinco libros. O sinal da división é unha doxoloxía, que revén nos salmos 41, 72, 89, 106, 150, últimos dos libros respectivos. Mais esta división é artificial e non ten que ver coa formación das coleccións nin do libro dos Salmos.*

*Amañados, como esa división e recentes como os supostos nomes de autores, son tamén outros títulos que levan á cabeza a maior parte dos salmos. Ningún di nada que sirva para entender mellor un salmo; só quizais un pouco para a historia do seu emprego litúrxico.*

## 6. Ambiente vital no que naceron os salmos

*As situacións humanas de onde naceron os salmos son case imposibles de contar. Unhas son propias da persoa, outras da comunidade. O mesmo unha situación coma a outra acertan ben a expresar sen miramentos os sentires que as moven e a cor da hora en que viven, a de nacer e a de morrer, a da vitoria e a da desfeita, o agradecemento e a*

*queixa, o riso e o pranto. Non hai pobo tan falangueiro, porque falaba diante de Deus, de quen non hai nada que esconder.*

**7. Os xéneros literarios dos salmos**

*As situacións diversas, a un tempo de fóra e de dentro, históricas e vividas polo espírito, fan diferir os salmos uns dos outros na súa lingua, na súa tonalidade emocional, na súa estrutura. Estes elementos constitúen os xéneros literarios.*

*No Libro dos Salmos atopamos varios xéneros literarios. Os mellor caracterizados concordan xustamente cos tres xéneros máis coñecidos de oración: súplica, grazas e loanza. No campo de cada un encontraremos máis ou menos variacións.*

*A maior parte dos salmos corresponde á oración de súplica. Esta nace na terra da desgraza, da carencia e da dor, o mesmo da persoa que da comunidade. A súa linguaxe é ás veces queixosa e ferinte, ás veces suplicante. Na súa estrutura abrangue estes compoñentes: chamada a Deus para que escoite, veña, actúe; queixa diante del contra os inimigos e os males; petición de axuda, de socorro, ou dos bens que fan falta; razóns que deberán mover a Deus a responder e darlle ao que suplica o convencemento de que o socorro é seguro, está xa preto (Sal 5, 12, 13, 22, 31, 35, 42, 43, 44, 54, 60, 64, 69, 77, 80, 88, 90, 102, 106, 126, 140).*

*Que razóns pensan as persoas que moverán a Deus a axudar? A xulgar polas moitas veces que a lembra, a fidelidade de Deus ao seu pasado ou á súa promesa. Da parte da persoa que suplica, unha sinxela declaración de inocencia. Se o mal ten que ver coa culpa, os inocentes non deberían padecer (Sal 7, 17, 26). Mais tamén hai posto aquí para outro sentimento: a confesión dos pecados e a conseguinte demanda de perdón, ao ter conciencia a persoa de que non é, nin moito menos, inocente (Sal 32, 38, 51, 130).*

*Ás veces, a confianza na axuda de Deus é tan grande que acala a queixa e a mesma petición. A linguaxe reviste entón outra tonalidade. Cando o sentimento de confianza vence todo outro sentimento, calquera que sexa tamén a realidade exterior, temos un novo xénero de salmos (Sal 3, 11, 16, 23, 27, 62, 115, 121, 125, 131).*

*Máis alá da oración de súplica está a de acción de grazas. Sempre que aquela ten seguridade de resposta, garda un posto na súa conclusión para profesar o agradecemento (Sal 5, 6, 140). Mais iso non o é todo. A acción de grazas está ben definida, independentemente doutras formas, como xénero oracional e mesmo literario. Primeiro ten un lugar na liturxia de "todah" (grazas). Logo faise independente, aínda que reteña por un tempo as marcas das circunstancias litúrxicas primeiras. O máis importante neste xénero é que a persoa refira a outras a propia liberación e que se festexe en comunidade a salvación. A gratitude é sempre aquí o sentimento sobranceiro (Sal 18, 30, 34, 40, 92, 107, 116, 138).*

*A loanza é o xénero mellor definido, máis constante na súa linguaxe e estrutura. O xénero do himno obedece a leis fixas: poucas veces se afasta delas. Comeza convidando a outros á loanza, mesmo ao mundo sen vida; segue coa evocación dos grandes feitos de Deus como creador e como salvador; acaba repetindo un retrouso ou un pensamento xa expresado. Só se pode loar cando se está desbordante de ledicia e cando a existencia se sente chea de bens. Esa é a razón da tonalidade festiva da linguaxe (Sal 33, 100, 111, 113, 117, 135, 145, 146, 147, 148, 150).*

*Nos salmos deste xénero, seguindo o criterio dos temas dominantes, poderiamos sinalar máis dun grupo: salmos do reino de Iavé (Sal 47, 93, 96, 97, 98), cantos de Sión (Sal 46, 48, 76, 87), himnos ao creador e ao señor do mundo (Sal 8, 19, 29, 104, 148), cantos ao Deus da historia santa (Sal 105, 114, 136). Mais se deixamos de lado o xénero e atendemos aos temas, deberiamos facer outras agrupacións, como a dos salmos reais (Sal 20, 21, 45, 61, 89), a dos real-mesiánicos (Sal 2, 72, 110) e outros.*

*Fóra dos salmos líricos, hai tamén no salterio poemas de carácter didáctico, de forma sentenciosa, de contido temático, como pode ser o tema inquietante da xusta retribución (Sal 37, 49, 73, 101, 127, 128, 133, 139). Preto deles teriamos aínda que mencionar meditacións sobre a lei (Sal 1, 19, 119), ensinanzas de forma e de espírito profético (Sal 14, 50, 52, 53, 75, 81, 95), ensinanzas sacerdotais (Sal 15, 24, 134).*

*Canto ao lugar en que viviron, os salmos tiveron sempre relación co culto dos santuarios ou do templo de Xerusalén. Mais ao tempo serviron tamén para satisfacer as esixencias da piedade persoal, lonxe do culto. Na sinagoga convertéronse eles mesmos en culto oracional. Moitos deberon nacer xa con ese fin. Seguindo o exemplo de Xesús, a Igrexa adoptou os salmos como oración oficial.*

## 8. Os salmos na liturxia de hoxe

*Serven aínda os salmos para os que queiran rezar hoxe con fórmulas emprestadas? Os seus condicionamentos por situacións históricas distantes e culturas estrañas parecen dicir que non. Mais nin os inconvenientes teolóxicos (o xeito de falar de Deus), nin a diversidade de sentimentos entre as persoas de onte e de hoxe fan os salmos inservibles para orar. Os máis diversos sentimentos, situacións, aspiracións, atopan na súa linguaxe a expresión máis cumprida. A cor de cada hora encontra alí correspondencia. Os salmos promoven aínda hoxe a comunicación da persoa con Deus.*

*Para que un salmo siga falando como en tempos, hai que poñerlle vida dentro. Hai que lelo correctamente como poesía e como oración. Iso esixe crealos outra vez, nalgún xeito, vivindo a súa poesía e rezando con eles. A lírica e a oración non din nada cando se collen enteiramente de emprestado. Hai que facelas propias. Os que senten a poesía como súa, os que rezan de seu, volven a crear os salmos como o autor primeiro. E namentres teñan creadores, os salmos seguen nacendo e cumprindo o mester de sempre.*

# LIBRO DOS SALMOS

## SALMO **1**

### Dous camiños

1 Benaventurado aquel
que non se guía polo consello dos malvados,
nin se detén no camiño dos pecadores,
nin senta na xunta dos burlóns,
2 senón que ten o seu contento na vontade do Señor
e nela remoe día e noite.

3 É coma árbore plantada onda os regueiros:
dá froito ao seu tempo,
as súas follas non murchan,
e todo o que fai acaba ben.

4 Non son así os malvados,
serán coaño que leva o vento.
5 Abofé non se erguerán os malvados no xuízo
nin os pecadores no concello dos xustos,
6 pois do camiño dos xustos coida o Señor,
mentres vai á perdición o camiño dos malvados.

## SALMO **2**

### O Señor co rei-mesías

1 Por que barullan as nacións
e os pobos planean en balde?
2 Os reis da terra levántanse,
os príncipes conspiran entre si
contra o Señor e o seu mesías:
3 "Rompamos as súas sogas,
botemos de nós as súas cadeas".

4 O que mora no ceo sorrí,
o Señor búrlase deles.
5 Logo fálalles con ira
e estarréceos con asaño.
6 "Eu son quen puxo o meu rei
sobre Sión, o meu monte santo".

7 Pregoarei o decreto do Señor;
foi El quen me dixo: "Ti es meu fillo,
eu mesmo che dei hoxe a vida.

**1** *Dous camiños*: Dous xeitos de ser home, cada un coa súa sorte (Dt **30**, 15ss). Breviario de sabedoría, encabezamento ao Libro dos Salmos.
**1**, 2 A vontade de Deus mostrada pola lei (Sal **19**, 8-15; **119**).
*Remoe*, lit. "bisba", "recita" en voz baixa, e así estúdaa.
**2** *O Señor co rei-mesías*: canto e promesa de vitoria de Deus sobre as forzas do mal, por medio do rei unxido. Lectura con sentido mesiánico en Feit **4**, 25s; Heb **1**, 5.
**2**, 7 Da profecía de Natán (2 Sam **7**, 14).

8 Pídeme, e dareiche por herdade as nacións;
por posesión, os termos da terra.
9 Poderás rexelos con cetro de ferro,
rompelos, coma ola de barro".

10 Entendede ben, reis,
aprendede, os que rexedes a terra:
11 Servide o Señor con temor,
con tremor facédelle festa;
12 non se alporice e perezades,
pois nun instante se acende a súa ira.
Ditoso o que nel busca agarimo.

## SALMO **3**

### Axuda certa

1 *Salmo, de David. Cando fuxía do seu fillo Abxalom.*

2 Señor, moitos son os meus opresores,
moitos os que se levantan contra min,
3 moitos os que din de min:
"Non ten salvación de Deus".

4 Mais ti es, Señor, o meu escudo,
a miña gloria e o meu triunfo.
5 Chamo a berros polo Señor,
e El respóndeme desde o seu monte santo.
6 Déitome, durmo e acordo,
e, namentres, sostenme o Señor.
7 Non teño medo á multitude
que está arredor contra min.

8 Érguete, Señor; sálvame, meu Deus.
Ti dáslles na cara aos meus inimigos
e rómpeslles os dentes aos malvados.
9 Ti tes, Señor, a salvación
e a bendición para o teu pobo.

## SALMO **4**

### O home xusto non ten medo

1 *Do mestre do coro, con instrumentos de corda. Salmo, de David.*

2 Cando te chame, respóndeme, Deus, meu liberador;
ti que na angustia me consolas,
apiádate e escoita a miña oración.

**2**, 11 Texto corrixido.
**3** *Axuda certa*: A confianza en Deus sosega, mesmo en medio dos maiores apertos.
**3**, 1 Títulos coma este, puxéronselle aos Salmos ao longo dos anos (cf Introd.). Non son orixinais, polo que os escribimos en cursiva.
**3**, 8 Érguete, idea da aparición de Deus para xulgar (Sal **7**, 7; **9**, 20; **74**, 22).
**4** *O home xusto non ten medo*: Deus dá forza para vivir nun mundo enganoso, desviado, triste e hostil.

3 Ata cando, homes, aldraxaredes o meu nome,
amaredes a vaidade e buscaredes o engano?
4 Sabede que o Señor fai milagres co seu amigo,
que o Señor me escoita, cando o chamo.

5 Tremede e non pequedes,
meditade nos vosos leitos e calade;
6 ofrecede sacrificios xustos
e confiade no Señor.
7 Moitos din: "Quen nos mostrará a felicidade,
se fuxiu de nós, Señor, a luz da túa presenza?".

8 Ti pos no meu corazón maior ledicia
que a dos que teñen fartura de trigo e de viño.
9 En paz déitome e logo adormezo,
porque só ti, Señor, me dás seguridade.

## SALMO **5**

### Os que agardan xustiza

1 *Do mestre do coro, con frautas. Salmo, de David.*

2 Escoita, Señor, a miña palabra,
atende a miña queixa.
3 Oe o balbordo dos meus xemidos,
ti, meu rei e meu Deus.

A ti dirixo, Señor, a miña súplica,
4 de mañá escoitarás a miña voz;
de mañá presentareiche a miña causa
e quedarei agardando.

5 Ti non es un Deus que queira a maldade:
non lles dás hospedaxe aos malvados
6 nin os soberbios se sosteñen ante ti.
Aborreces os malfeitores
7 e perdes os mentireiros;
aos falsos e sanguentos
abomínaos o Señor.

8 Mais eu, pola túa moita bondade,
podo entrar na túa casa.
Prostrareime diante do teu templo,
cheo do teu temor.

9 Guíame, Señor, na túa xustiza;
por causa dos meus inimigos,
achanza ante min o teu camiño.

**4**, 7 *Fuxiu*, lectura probable. A luz da presenza é o favor (Sal **31**, 17; **67**, 2).

**5** *Os que agardan xustiza*: desde o prego doente á certeza cumprida de que a xustiza de Deus rexerá o mundo dos homes.

10 Na súa boca non hai sinceridade,
por dentro están corrompidos.
A súa gorxa é sartego aberto
e a súa lingua aloumiñeira.

11 Castígaos ti, Señor,
que fracase o seu proxecto.
Abáteos polos seus moitos crimes,
pois son rebeldes contra ti.

12 Alegraranse os que a ti se acollen,
terán un xúbilo eterno.
Protéxeos ti e alégrense contigo
os que aman o teu nome.
13 Ti, Señor, bendís os xustos,
cóbrelos co teu favor, como escudo.

## SALMO **6**

### Doente de corpo e alma

1 *Do mestre do coro, con instrumentos de corda, co octacordio.*
*Salmo, de David.*

2 Señor, non me reprendas con ira
nin me corrixas con asaño.
3 Apiádate, Señor, que estou esmorecido,
sándame, Señor, que tremen os meus ósos.
4 A miña alma treme,
e ti, Señor, a que esperas?

5 Volve, Señor, sálvame a vida,
líbrame, pola túa misericordia.
6 Non hai entre os mortos quen te lembre;
e no abismo, quen te loa?

7 Estou esgotado de tanto xemer:
de noite rego cos choros o meu leito
e mollo de bágoas a miña cama.
8 Os meus ollos están anubrados coa dor,
avellados, por culpa dos opresores.

9 Arredádevos de min os malfeitores,
pois o Señor escoita o meu salouco;
10 o Señor escoita a miña súplica,
acolle a miña oración.
11 Avergonzaranse e tremerán os meus inimigos,
nun instante volverán avergonzados.

**5**, 10s A imprecación contra os inimigos ten cumprimento na xustiza (Sal **36**, 2ss; **40**, 15s; **58**, 7ss).
**6** *Doente de corpo e alma*: primeiro dos salmos penitenciais (Sal **32**, **38**, **51**, **130**, **143**). As penas e a enfermidade fan pensar ao home nas súas culpas e pedir a Deus axuda.

# SALMO **7**

## Haberá xustiza para o oprimido

[1] *Lamentación, de David. Cando lle cantou ao Señor,*
*polo de Cux, o benxaminita.*

[2] Señor, meu Deus, en ti acóllome;
líbrame dos meus perseguidores, sálvame,
[3] non me atrapen coma leóns:
esnaquizan e non hai quen se salve.

[4] Señor, meu Deus, se fixen isto,
se nas miñas mans hai maldade,
[5] se lle correspondín mal ao amigo,
deixando escapar o inxusto opresor,
[6] que o inimigo me persiga e me aprese,
que me esmague vivo contra o chan
e bote por terra o meu honor.

[7] Érguete, Señor, na túa ira,
imponte á rabia do opresor,
sae por min, ti que chamas a xuízo.
[8] Que te rodee a asemblea das nacións,
e ti pon o asento enriba dela.
[9] O Señor xulga os pobos:
xúlgame, Señor, conforme á miña xustiza,
ten en conta a miña inocencia.
[10] Que se acabe a maldade dos impíos,
e confirma aos inocentes,
ti, que sondas o corazón e as entrañas,
ti, que es o Deus xusto.

[11] Deus é o meu escudo,
el salva os que son rectos.
[12] Deus é un xuíz xusto,
un Deus que ameaza cada día.
[13] Se non se converten, afía a espada,
tensa o arco e apunta;
[14] prepara armas de morte,
tira frechas acesas.

[15] Quen concibe a maldade
está preñado de malicia e dá a luz o engano.
[16] Cava unha cova e afóndaa,
e cae el mesmo na cova que fixo.
[17] A súa maldade recae na súa cabeza,
sobre a propia testa volva a súa violencia.

[18] Loarei ao Señor pola súa xustiza,
cantarei o nome do Altísimo.

**7** *Haberá xustiza para o oprimido*: súplica dun xusto perseguido, certo da súa inocencia. O que coñece todo desde dentro fará vir a xustiza polo seu mesmo pé.

**7**, 16 A xustiza do talión é a máis exacta (Sal **9**, 16; **35**, 8; **141**, 10).

## SALMO **8**

### Canto ao creador do home

[1] *Do mestre do coro, coa cítara de Gat. Salmo, de David.*

[2] Señor, noso Señor,
que grande é o teu nome en toda a terra!
A túa maxestade érguese por enriba do ceo.
[3] Na boca de nenos e naipelos fundas a túa fortaleza
contra os teus adversarios,
para faceres calar a inimigos e rebeldes.

[4] Cando vexo o ceo, feitura da túa man,
a lúa e as estrelas que fixaches alí;
[5] que é o home, para que o lembres,
o fillo do home, para que del te ocupes?

[6] Por pouco non o fixeches coma os anxos,
coroáchelo de honor e dignidade;
[7] déchesllе mando sobre as obras das túas mans,
puxéchelo todo aos seus pés:
[8] rabaños de ovellas e touros,
e mesmo as bestas do monte,
[9] os paxaros do ceo e os peixes do mar,
que fan carreiros polas augas.

[10] Señor, noso Señor,
que grande é o teu nome en toda a terra!

## SALMO **9**

### Grazas a Deus que xulga os pobos

[1] *Do mestre do coro, segundo "A morte do fillo". Salmo, de David.*

[2] Douche grazas, Señor, de todo corazón,
proclamo as túas marabillas.
[3] Alégrome, relouco contigo
e canto o teu nome, Altísimo.

[4] Os meus inimigos retroceden,
caen e perecen ante ti,
[5] pois ti defendes a miña causa, o meu dereito,
sentado, xusto xuíz, no tribunal.

[6] Ti reprendes as xentes, destrúes os malvados
e borras para sempre os seus nomes.
[7] Os inimigos acaban en ruína eterna:
ti arrasas as súas cidades,
pérdese a súa memoria.

**8** *Canto ao creador do home*: aínda que sexa criatura, nada excelente en grandor, o home sabe verse como imaxe de Deus e mirar todas as cousas como creación súa.

**8**, 3 Mt **21**, 16 refire o texto a Xesús.

**9** *Grazas ao Deus que xulga os pobos*: a seguridade de que a xustiza triunfará, fai da súplica do oprimido unha acción de grazas.

[8] O Señor aséntase firme,
prepara a sede para xulgar.
[9] El xulgará o mundo con xustiza,
rexerá as nacións con equidade.

[10] O Señor é abeiro dos oprimidos,
o seu abeiro no tempo da angustia.
[11] En ti confían os que coñecen o teu nome,
porque ti non abandonas os que te buscan, Señor.

[12] Cantádelle ao Señor que mora en Sión,
anunciádelles aos pobos as súas obras.
[13] El vinga o crime, lévao en conta,
non lle esquece o grito dos pobres.

[14] Ten dó de min, Señor,
olla como me aflixe o inimigo.
Tírame ti da man da morte,
[15] para que poida cantar as túas loanzas
ás portas de Sión,
e celebrar xubiloso o teu socorro.

[16] Os xentís afondarán na cova que cavaron,
na rede que tenderon quedará preso o seu pé.
[17] O Señor manifféstase para facer a xustiza;
os malvados caen na propia trapela.

[18] Volven ao abismo os malvados
e as xentes todas que se esquecen de Deus;
[19] mais o pobre non será esquecido eternamente,
non finará para sempre a esperanza do humilde.

[20] Érguete, Señor, que non triunfe o home,
sexan xulgadas as xentes ante ti.
[21] Ponlles medo, Señor:
aprendan as xentes que nada máis son homes.

## SALMO **10 (9)**

### A fachenda dos malfeitores

[1] Por que, Señor, quedas lonxe
e te ocultas na hora do aperto?
[2] Mentres os malvados triunfan,
son asoballados os pobres,
collidos nas insidias que lles traman.

[3] O malvado glóriase da súa mesma cobiza,
o avarento blasfema e despreza ao Señor.
[4] Di o malvado, na súa insolencia:
"Deus non pide contas; non está":
iso é todo o que pensa.

**9**, 14s *A man da morte, as portas*, os dominios (Xob **38**, 17; Sal **107**, 18).

**10** *A fachenda dos malfeitores*: o pobre suplica que Deus confunda os soberbios. O procedemento alfabético supón este salmo parte do anterior, como aparece nos Setenta.

**10**, 3 *Blasfema*. No seu lugar o hebreo di eufemisticamente "bendí" (Xob **1**, 5. 11; **2**, 5. 9).

5 Os seus camiños prosperan,
o teu xuízo queda lonxe da súa mente,
búrlase dos seus adversarios.
6 Pensa para si: "Non caerei,
nunca na vida non terei unha desgraza".

7 Ten a boca chea de maldición,
de inxurias e de fraude;
a súa lingua encobre insidia e maldade.
8 Senta ao axexo nos currais
para matar ás agachadas ao inocente.

Cos ollos esculca os desvalidos,
9 axexa nos recantos, coma león no tobo,
axexa os pobres, para os roubar,
rouba a quen pilla na súa rede.
10 Agáchase, encóllese,
e cae con todo o peso sobre os inocentes.
11 Pensa para si: "Deus esquécese,
ten a cara tapada e non ve".

12 Érguete, Señor; levanta, Deus, a túa man,
non te esquezas dos pobres.
13 Por que ten que desprezar a Deus o malvado
e matinar para si: "Non pide contas"?
14 Ti mesmo podes ver os traballos e as penas,
fixarte e collelos na túa man.
A ti encoméndase o desvalido,
ao orfo es ti quen o axuda.
15 Rompe o brazo do impío,
pídelle contas da maldade,
fai que desapareza.

16 O Señor reinará para sempre,
e acabaranse os xentís na súa terra.
17 Ti acolles, Señor, o desexo dos pobres:
confórtaos e aténdeos;
18 defende o dereito do orfo e do oprimido,
e que ningún mortal exerza máis a insolencia.

## SALMO **11 (10)**

### A cadaquén o seu merecido

1 *Do mestre do coro. De David.*

Eu busco agarimo no Señor,
Como ousades aínda dicirme:
"Voa, paxaro, ao teu monte"?

2 Mais os malvados tensan o arco,
axustan na corda as setas,
para tirar, na escuridade, contra os honrados.

**11** *A cadaquén o seu merecido*: os rectos teñen seguridade de que o Deus que coñece desde a raíz todos os comportamentos fará xustiza cumprida.

**11**, 1 Así as versións; o hebreo di: "Voade ao voso monte".

3 Se os fundamentos se derruban,
que poden facer os xustos?

4 O Señor desde o seu santuario,
o Señor desde a súa sede no ceo,
axexa cos seus ollos os homes,
escrútaos coas súas pupilas.

5 O Señor proba os xustos,
pero aborrece o impío e violento.
6 Fará chover sobre os malvados
carbóns acesos e xofre;
vento que queima será a súa sorte.

7 O Señor é xusto e ama a xustiza:
os rectos gozarán da súa presenza.

## SALMO **12 (11)**

### Aínda virá a hora da xustiza

1 *Do mestre do coro, co octacordio. Salmo, de David.*

2 Salva, Señor, que se acaban os xustos,
desaparecen os rectos de entre os homes.
3 Falsidade é o que se din uns aos outros,
linguaxe garatuxeira e fraudulenta a que falan.

4 Arrinque o Señor todos os labios aloumiñeiros
e as linguas arrogantes dos que din:
5 "A lingua é a nosa forza,
contamos cos nosos labios: quen será o noso dono?".

6 "Pola opresión dos humildes e os xemidos dos pobres,
agora mesmo me levanto –di o Señor–,
porei en salvo a todos os que o ansían".

7 Os ditos do Señor son ditos verdadeiros,
prata limpa de escoura,
sete veces refinada.

8 Ti, Señor, hasnos gardar,
librarasnos para sempre desta xente.
9 Irán sen rumbo os malvados,
mentres os humildes se erguen.

**12** *Aínda virá a hora da xustiza*: o poderío do mal escandaliza; mais a fe ábrelle as portas á esperanza. A comunidade medita na promesa e recobra vida nela.

**12**, 2-3 Acusación coma dun profeta (1 Re **19**, 10; Is **57**, 1s; Xer **5**, 1).
**12,** 7 O texto é escuro, pero a idea é clara (Sal **66**, 10; Is **48**, 10; Ez **22**, 18ss).

## SALMO **13 (12)**

### Por canto tempo aínda, Señor?

[1] *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

[2] Canto tempo aínda, Señor, me seguirás esquecendo?
Por canto tempo me ocultarás a túa cara?
[3] Canto tempo aínda hei levar angustia na alma,
pesar no corazón o día enteiro?
Ata que día me poderá o inimigo?

[4] Atende, Señor; respóndeme, meu Deus:
aluma os meus ollos, que non adormeza na morte.
[5] Que non diga o inimigo: "Puiden con el",
nin se alegre o opresor da miña ruína.

[6] Eu confío no teu amor,
o meu corazón relouca coa túa axuda.
Cantareille ao Señor
polo ben que me fixo.

## SALMO **14 (13)**

### Non hai quen faga o ben

[1] *Do mestre do coro. De David.*

Pensan os parvos para si:
"Deus non está".
Corrompidos, de conduta abominable:
non hai quen faga o ben.

[2] O Señor observa os homes desde o ceo,
para ver se hai algún asisado,
algún que pregunte por Deus.
[3] Andan todos desviados,
por xunto corrompidos;
non hai quen faga o ben,
non hai sequera un.
[4] Pero non aprenderán os malfeitores?
Engolen o meu pobo coma pan,
sen preguntar polo Señor.

[5] Alá treman de pavor,
porque Deus está cos xustos.
[6] Desprezades o proxecto dos pobres,
pero o Señor é o seu refuxio.

[7] Quen lle traerá de Sión a salvación a Israel?
Cando vire o Señor a sorte do seu pobo,
exultará Xacob, alegrarase Israel.

**13** *Por canto tempo aínda, Señor?*: pregunta do que non ve cos ollos o que busca, pero confía en que o ha ver, pois Deus non se esconde para sempre.
**13**, 1ss Son preguntas acostumadas na oración suplicante (Sal **6**, 4; **74**, 10).

**14** *Non hai quen faga o ben*: os xustos dan as súas queixas pola arrogancia dos descridos. Os pobres asoballados terán o seu día de xúbilo. O Sal **53** repite este tema.
**14**, 7 Resposta máis espazosa no Sal **126**.

## SALMO **15 (14)**

### A hospitalidade do Señor

[1] *Salmo, de David.*

Quen, Señor, se hospedará na túa tenda?
Quen habitará no teu monte santo?

[2] Aquel que anda rectamente e practica a xustiza:
que ten sinceridade no corazón
[3] e non calumnia coa súa lingua;
o que non lle fai mal ao veciño
e non difama o seu próximo;
[4] o que estima desprezable o malvado
e aprecia aos que temen ao Señor;
o que non se vira no xuramento,
aínda que sexa no seu dano;
[5] o que non presta con usura o seu diñeiro
e non se deixa subornar contra o inocente.

Quen así se comporte,
endexamais non perecerá.

## SALMO **16 (15)**

### No camiño da vida

[1] *Miktam, de David.*

Gárdame, Deus, que en ti busco agarimo.
[2] Eu dígolle ao Señor: "Ti es o meu dono,
só ti es o meu ben".

[3] Outros van cos deuses da terra,
teñen afecto aos poderosos.
[4] Fan ídolos sen conta
e van correndo tras eles.

Eu non quero verter as súas libacións de sangue
nin pronunciar cos meus labios os seus nomes.
[5] Ti es, Señor, a miña herdade e a miña sorte,
ti coidas do meu porvir.
[6] As sortes caéronme en bo eido,
gústame a miña herdade.

[7] Bendigo o Señor que me guía
e mesmo de noite me ensina no meu íntimo.
[8] Teño o Señor sempre diante;
con El á dereita non caerei.

**15** *A hospitalidade do Señor*: é un poema didáctico, coas regras esixidas para obter o agarimo e a amizade de Deus. Todas veñen a pedir o comportamento xusto cos demais, no pensamento e nos feitos.
**16** *No camiño da vida*: hai quen busca o seu porvir correndo detrás dos poderosos, coma se fosen deuses. Esta oración profesa que só o Deus verdadeiro fai feliz.
**16**, 3s *Deuses*, lit. "santos"; eles e os poderosos son os mesmos ca os ídolos, deuses que o home establece (Sal **73**, 17; **118**, 8s; **146**, 3).
**16**, 8-11 Aplicado en Feit (**2**, 25-28) á resurrección de Cristo.

9 Por iso o meu corazón está contento,
as miñas entrañas reloucan
e o meu corpo está seguro.

10 Ti non abandonarás á morte a miña vida,
nin deixarás que o teu amigo vexa a corrupción.
11 Mostrarasme o camiño da vida:
a túa presenza éncheme de alegría,
a túa dereita, de gozo eterno.

## SALMO **17 (16)**

### Como a meniña dos teus ollos

1 *Pregaria, de David.*

Oe, Señor, a causa xusta,
atende o meu clamor;
escoita a miña pregaria
de labios sen engano.
2 Que a miña causa saia ben de onda ti,
que os teus ollos vexan o dereito.

3 Se sondas o meu corazón,
se me visitas de noite,
se me probas ao lume,
nada atoparás:
a iniquidade non atravesa a miña boca,
4 como é costume nos homes.
Conforme á palabra dos teus labios,
sigo o camiño marcado;
5 guío polas túas pisadas os meus pasos,
por iso os meus pés non tremelan.

6 Eu chámote, Deus; ti respóndeme;
volve a min o teu oído, escoita a miña voz.
7 Mostra a túa compaixón admirable,
ti que libras do inimigo
aos que se acollen á túa dereita.
8 Gárdame coma á meniña dos teus ollos,
escóndeme á sombra das túas ás
9 dos malvados que me asaltan,
dos inimigos que me cercan.
10 Pechan as súas entrañas
e falan con soberbia.
11 Dan pasos para rodearme,
espréitanme para botarme por terra,
12 coma o león que degora a súa presa,
coma o leonciño engruñado na cova.
13 Érguete, Señor; failles fronte e dobrégaos;
líbrame coa túa espada dos malvados,
14 coa túa man, Señor, dos mortais,
dos mortais do mundo, que teñen sorte na vida:
enchen o ventre cos teus bens,

**17** *Como a meniña dos teus ollos*: un inocente pide que Deus lle faga xustiza diante dos malvados que o aburan. **17**, 3 Deus coñece desde dentro (Xob **7**, 18; Sal **7**, 10; **139**, 1ss).

fártanse os seus fillos
e deixan o resto para os seus nenos.

15 Mais eu verei con felicidade a túa presenza,
ao espertar, saciareime de verte.

## SALMO **18 (17)**

### Canto de vitoria

1 *Do mestre do coro. De David, servo do Señor, que recitou*
*esta cántiga diante do Señor, por telo librado do*
*poder de todos os seus inimigos e da man de Xaúl. Dixo:*

2 Eu ámote, Señor, a miña forza.
3 Señor, a miña rocha, o meu castro, o meu refuxio,
meu Deus, penedo onde me acollo,
o meu escudo, o meu alcázar, o meu castelo.
4 Eu invoco ao Señor, o adorable,
e salvarame dos meus inimigos.

5 As ondas da morte rodéanme,
as correntes do averno atropélanme;
6 cínguenme as cordas do abismo,
sorpréndenme as trampas da morte.

7 No aperto chamo ao Señor,
suplico cara ao meu Deus.
El escoita a miña voz desde o santuario,
o meu clamor chega aos seus oídos.

8 A terra estarrécese e treme,
os fundamentos dos montes estremecen,
abalan por causa da súa ira.
9 Do seu nariz sobe fume,
da súa boca lume devorador,
de todo el ascuas acesas.

10 Abaixa o ceo e descende
con mesta néboa debaixo dos seus pés.
11 Voa a cabalo dun querubín,
subindo nas ás do vento.
12 Das tebras fai o seu cerco;
das augas escuras e das mestas nubes,
a tenda que o rodea.
13 Co relampo da súa presenza
as nubes desfanse en sarabia e lóstregos.
14 O Señor atrona desde o ceo,
o Altísimo fai resoar a súa voz.

15 Lanza as súas setas e dispérsaos,
os seus lóstregos enlouquéceos.

**18** *Canto de vitoria*: acción de grazas dun rei pola liberación e polas vitorias que Deus lle axuda a conseguir. Outra versión en 2 Sam **22**, na boca de David.

**18**, 5 As augas abismais, símbolos míticos da morte (Sal **69**, 2s; Lam **3**, 54).

16 Os fondos do mar déixanse ver,
os fundamentos do orbe quedan espidos,
polas túas ameazas, Señor,
polo soprido da túa ira.

17 Desde o ceo tende El a man e cólleme,
tírame das augas caudais.
18 Líbrame do inimigo poderoso,
de rivais máis fortes ca min.

19 No día funesto fanme fronte,
pero o Señor é o meu arrimo:
20 sácame a campo aberto,
sálvame, porque me ama.
21 O Señor premia a miña rectitude,
retribúe a miña pureza de conduta.

22 Eu gardo os camiños do Señor
e non son rebelde ao meu Deus;
23 teño á vista os seus preceptos,
non eludo os seus mandatos,
24 son sincero diante del
e gárdome do pecado.
25 O Señor retribúe a miña rectitude
e a miña pureza de obrar na súa presenza.

26 Co piadoso móstraste piadoso
e co sincero es sincero;
27 co puro móstraste puro
e co renarte es retorto.
28 Ti salvas os humildes
e abates os soberbios.
29 Ti fas lucir a miña candea,
oh Señor!, meu Deus, aluma as miñas tebras.
30 Contigo podo encararme cunha tropa;
co meu Deus, saltar murallas.
31 Os camiños de Deus son perfectos,
a palabra do Señor ben probada:
é o escudo para cantos a El se acollen.

32 Quen é Deus, fóra do Señor?
Quen unha rocha, fóra de noso Deus,
33 o Deus que me cingue de forza
e fai perfecto o meu camiño?
34 El dáme pés coma os dos cervos
e ponme nas alturas;
35 adestra as miñas mans para a loita
e os meus brazos para tensar o arco de bronce.

36 Ti déixasme o teu escudo salvador,
a túa dereita sostenme,
a túa bondade engrandéceme.
37 Fasme dar pasos longos,
e non tremen os meus pés.

**18**, 29 *A candea* é o símbolo da vida (1 Re **11**, 36; Sal **132**, 17).

38 Perseguirei o inimigo ata o pillar,
non volverei sen acabar con el;
39 esmagareino xa e non se poderá erguer,
caerá debaixo dos meus pés.

40 Ti cínguesme de forza para a loita,
sometes a cantos se me enfrontan.
41 Fas que os meus inimigos volvan as costas,
para que eu poida destruír os que me odian.

42 Piden socorro, pero ninguén os axuda,
xemen cara ao Señor, mais El non lles responde.
43 Espallareinos, coma po diante do vento,
varrereinos, coma lama das rúas.

44 Ti líbrasme do pobo en motín,
posme á cabeza das xentes:
pobos non coñecidos réndenme homenaxe.
45 Nada máis oír, xa me obedecen,
adúlanme os estranxeiros;
46 os estranxeiros embarúllanse
e saen tremendo dos seus refuxios.

47 Viva o Señor, bendita a miña rocha;
sexa exaltado Deus, o meu salvador,
48 o Deus que me dá satisfacción
e somete pobos ao meu xugo.
49 Ti líbrasme dos inimigos,
érguesme sobre os adversarios,
sálvasme dos violentos.

50 Por iso hei de loarte, Señor, diante dos pobos:
cantarei o teu nome,
51 o que lle dá ao rei grandes vitorias
e mostra misericordia ao seu unxido,
a David e á súa liñaxe, para sempre.

## SALMO **19 (18)**

### Os ceos proclaman

1 *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

2 Os ceos proclaman a gloria de Deus,
o firmamento pregoa as obras das súas mans.
3 Un día pásalle ao outro a mensaxe,
unha noite transmítelle á outra a noticia.
4 Sen que falen nin conten,
sen que se sinta a súa voz,
5 por toda a terra vai o seu anuncio,
ata os confíns do mundo a súa palabra.

**19** *Os ceos proclaman*: loanza ao Deus que se manifesta no mundo-creación e revela a intención de salvar na súa Lei. Sobre o primeiro abunda o Sal **104**; sobre o segundo, o Sal **119**.

O sol púxolle alá no ceo unha tenda:
6 coma un desposado, sae da súa alcoba
e, ledo coma un heroe, percorre o seu camiño.
7 Ten nun extremo do ceo a saída
e, no seu xiro, chega ao outro extremo:
nada se subtrae á súa calor.

8 A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio o inxenuo;
9 os mandatos do Señor son rectos:
aledan o corazón;
o precepto do Señor é limpo:
ilumina os ollos;
10 o temor do Señor é puro:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas.
11 Son máis cobizables ca o ouro
máis ca o metal precioso;
son máis doces ca o mel,
máis do que o zume da antera.

12 Aínda que o teu servo os quere cumprir
e pon coidado en gardalos,
13 quen se decata dos erros?
Límpame ti de canto se me esquece,
14 preserva o teu servo da soberbia,
para que non me domine.
Entón serei perfecto,
limpo de pecados graves.

15 Dígnate a aceptar a palabra
da miña boca,
e o sentir do meu corazón,
Señor, a miña rocha e o meu redentor.

## SALMO **20 (19)**

### Oración polo rei

1 *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

2 Que te escoite o Señor na hora do aperto,
que te protexa o Deus de Xacob;
3 que do santuario che mande socorro,
que te sosteña desde Sión.

4 Lembre as túas ofrendas,
gústenlle os teus sacrificios;
5 outórgueche o que queres,
cumpra os teus proxectos.

**19**, 15 O título de *redentor* é caro ao Segundo Isaías (Is **41**, 14; **44**, 6. 24).

**20** *Oración polo rei*: intercesión do pobo para que Deus lle outorgue a vitoria ao rei.

6 Que poidamos nós festexar a túa vitoria
e no nome do noso Deus erguer as bandeiras:
outórgueche o Señor canto lle pidas.

7 Xa sei que o Señor lle dá a vitoria ao seu unxido,
que lle responde desde o seu ceo santo
coa forza liberadora da súa dereita.

8 Uns confían nos seus carros, outros na súa cabalaría;
pero nós invocamos o Señor, noso Deus.
9 Abanéanse eles e caen,
mentres nosoutros nos erguemos e quedamos en pé.

10 Dálle, Señor, a vitoria ao rei,
escóitanos, cando te chamamos.

## SALMO **21 (20)**

### Bendición para o rei

1 *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

2 Señor, co teu poder alégrase o rei,
exulta coa túa vitoria.
3 Ti outórgaslle o que arela o seu corazón,
non lle negas o que piden os seus labios.
4 Sáeslle ao encontro coa túa bendición
e poslle na cabeza coroa de ouro fino.

5 Pídeche vida, e ti dáslle
duración de días sen fin.
6 A súa gloria medra coa túa axuda;
revístelo de honor e maxestade.
7 Dáslle constante bendición,
alégralo coa túa presenza.
8 O rei confía no Señor,
e co favor do Altísimo non cae.

9 Aprese a túa man a todos os teus inimigos,
agarre a túa dereita os que te odian;
10 préndelles lume, coma a un forno,
na hora en que te mostres.
Que o Señor os consuma na súa ira,
que enteiros o lume os engula.

11 Extirpa da terra o seu froito,
a súa caste de entre os homes.
12 Aínda que boten maldade sobre ti
e urdan insidias, non han prevalecer,
13 pois ti faralos fuxir,
tensarás o arco contra eles.
14 Érguete, Señor, no teu poder;
nós cantaremos con salmos a túa forza.

**20**, 7 *Unxido* ou mesías é un título que ve no rei un instrumento de salvación (Sal **2**, 2; **18**, 51; **89**, 39. 52; **132**, 10. 17).
**21** *Bendición para o rei*: profesión de fe e agoiro de que Deus lle outorga ao rei a vitoria sobre todos os opresores. O rei é o transmisor dos bens de Deus para o pobo.
**21**, 5 Pola lonxevidade do rei fálase do reinado eterno de Deus (2 Sam **7**, 29; Sal **10**, 16).

# SALMO **22 (21)**

## O xusto que sofre

[1] *Do mestre do coro, segundo "A cerva do abrente". Salmo, de David.*

[2] Meu Deus, meu Deus, por que me abandonas,
lonxe do meu socorro e das palabras do meu xemido?
[3] Meu Deus, clamo de día, e non respondes;
de noite, e non atopo sosego.

[4] Mais ti es o santo
para ti é a loanza de Israel.
[5] En ti confiaron nosos pais,
confiaron, e ti liberáchelos;
[6] clamaron cara a ti, e foron salvos,
confiaron en ti e non lles fallaches.
[7] Pero eu son un verme máis ca un home,
vergonza da xente e desprezo do pobo.
[8] Todos os que me ven fan burla de min,
torcendo os labios, movendo a cabeza:
[9] "Acode ao Señor, que El o libre,
que El o salve, se é que o ama".

[10] Ti es quen me sacou do seo materno,
quen me achegou aos peitos de miña nai;
[11] a ti estou encomendado desde o nacemento,
desde o ventre materno ti es o meu Deus.
[12] Non te apartes de min, pois o perigo está preto,
e non hai quen acorra.

[13] Rodéame un fato de xovencos,
cércanme touros de Baxán;
[14] abren a boca cara a min
leóns que devoran e ruxen.

[15] Son coma auga que se verte,
teño todos os ósos esnogados;
o meu corazón, coma cera,
derrétese nas miñas entrañas.
[16] A miña gorxa está reseca, coma tella,
a lingua apegada ao padal:
botáchesme no po da morte.

[17] Rodéanme cans,
cércame un fato de malvados,
atan as miñas mans e os meus pés.
[18] Eu podo contar os meus ósos
eles observan, non me quitan ollo.
[19] Reparten os meus vestidos
e botan ás sortes o meu manto.
[20] Pero ti, Señor, non esteas lonxe;
meu socorro, ven axiña axudarme.

**22** *O xusto que sofre*: súplica e canto de vitoria. Desde a queixa máis pechada a oración chega á acción de grazas. Ese movemento leva desde a paixón ata a gloria, como nas figuras do Servo de Iavé e de Xesús Mesías.

**22**, 2 Palabras que dixo Xesús na agonía (Mc **15**, 34).
**22**, 16 *Gorxa*: tamén se podería ler "forza".

21 Salva a miña vida da espada,
o meu único ben, da gadoupa do can;
22 líbrame da boca do león,
deféndeme dos cornos do touro.

23 Eu falareilles de ti a meus irmáns,
loareite no medio da asemblea.
24 Servidores do Señor, loádeo,
liñaxe de Xacob, glorificádeo,
liñaxe de Israel, temédeo.
25 Pois El non despreza nin desdeña
a aflición dos humildes;
non lles oculta o seu rostro,
e, cando piden axuda, El escoita.

26 De ti vén a miña loanza na asemblea;
cumprirei os meus votos, ante os que te temen.
27 Os pobres comerán ata fartarse,
loarán o Señor os que o buscan
e gozarán de vida duradeira.
28 Acordarán e volverán ao Señor
todos os confíns da terra;
axeonllaranse na súa presenza
as familias todas dos pobos.

29 Abofé, o reino é do Señor,
e El goberna as nacións.
30 A El só adorarán os satisfeitos da terra,
ante El axeonllaranse os que baixan ao po
coa súa alma sen vida.
31 A súa posteridade hao servir
e proclamará o Señor polas xeracións.
32 Cando veñan, cantarán a súa xustiza
e as súas obras para os que nazan.

## SALMO **23 (22)**

### O bo pastor

1 *Salmo, de David.*

O Señor é o meu pastor: nada me falta.
2 Aos pastos verdecentes lévame a repousar,
lévame a beber ás augas tranquilas:
3 El repón as miñas forzas.
Guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.

4 Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

**23** *O bo pastor*: profesión de confianza en Deus, que coida como bo pastor do seu rabaño e da hospedaxe na súa tenda.

**23**, 1 A imaxe do pastor repítese na Biblia moitas veces (Sal **79**, 13; **80**, 2; **95**, 7).

5 Ti pos para min a mesa,
á cara dos meus inimigos;
únxesme con perfume a cabeza,
e a miña copa reborda.

6 A túa bondade e o teu amor vanme seguindo
todos os días da vida.
Eu habitarei na casa do Señor
ao longo dos meus días.

## SALMO **24 (23)**

### O rei glorioso

1 *De David, salmo.*

Do Señor é a terra e canto a enche,
o orbe e canto nel habita.
2 El é quen a fundou sobre os mares
e quen a asegurou sobre as correntes.

3 Quen poderá subir ao monte do Señor?
Quen poderá quedar no seu santuario?

4 O que ten as mans limpas e puro o corazón,
o que non pon a mente en cousas vas
e non xura nunca en falso.
5 Ese recibirá do Señor bendición
e xustiza de Deus, o seu salvador.
6 Así é a liñaxe dos que o buscan,
dos que buscan a presenza do Deus de Xacob.

7 Erguede, portas, os linteis,
alzádevos, antigos portais,
para que entre o rei da gloria.
8 Quen é ese rei da gloria?
O Señor, forte e valente,
o Señor, valente nas batallas.

9 Erguede, portas, os linteis,
alzádevos, antigos portais,
para que entre o rei da gloria.
10 Quen é ese rei da gloria?
O Señor dos exércitos,
El é o rei da gloria.

**24** *O rei glorioso*: loanza a Deus creador do mundo, vencedor nas batallas. A estrutura fai recordar unha procesión cara ao santuario e unha catequese de entrada.
**24**, 3 Preguntas coma as da catequese (Sal **15**, 1; Is **33**, 14).
**24**, 7 As *portas* do templo co avoengo das do ceo. Deus na imaxe de rei (Éx **15**, 18; Sal **29**, 10; **47**; **93**; **96**; **97**; **98**).

# SALMO **25 (24)**

## Móstrame os teus camiños

1 *De David.*

Cara a ti ergo, Señor, a miña alma,
2 en ti, meu Deus, confío.
Que non se rían de min os inimigos.
3 Ninguén que en ti espere quedará defraudado,
mentres se avergonzarán os traidores sen razón.
4 Móstrame, Señor, os teus camiños,
ensíname os teus sendeiros,
5 diríxeme na túa verdade, apréndeme,
pois ti es, Deus, o meu salvador
e estoute a esperar todo o día.
6 Lémbrate, Señor, da túa compaixón e do teu amor,
pois existen desde sempre.
7 Dos erros e das culpas da miña mocidade non te lembres:
acórdate de min segundo o teu amor,
Señor, pola túa bondade.

8 O Señor é bo e recto:
por iso ensínalles o camiño aos extraviados,
9 dirixe os xustos no xuízo
e móstralles aos humildes o vieiro.
10 Os camiños do Señor son todos amor e lealdade,
para os que gardan a súa alianza e as súas instrucións.
11 Polo teu nome, Señor,
perdoa as miñas culpas, que son grandes.

12 Quen é o que teme o Señor?
El ensínalle o camiño que ha elixir:
13 pasará a vida con ben,
herdarán a terra os seus fillos.
14 O segredo do Señor é para os que o temen,
e instrúeos coa súa alianza.
15 Teño sempre postos os ollos no Señor,
pois El tira da rede os meus pés.
16 Vólvete cara a min e tenme compaixón,
pois estou só e aflixido.
17 No meu corazón medra a pesadume;
líbrame ti das angustias.
18 Olla a miña aflición e os meus traballos,
e perdoa os meus erros.
19 Olla os meus inimigos, cantos son,
e o odio violento que me teñen.
20 Gárdame a vida, sálvame;
non me vexa defraudado por acollerme a ti.
21 A inocencia e a rectitude hanme protexer:
a miña esperanza está en ti.
22 Redime, Deus, a Israel
de todas as súas angustias.

**25** *Móstrame os teus camiños*: súplica para que Deus socorra, perdoe e conduza polo camiño da vida. É un salmo alfabético de carácter sapiencial.

**25**, 7 Os erros da mocidade recórdanse despois (Xob **13**, 26; Ez **23**, 21).

## SALMO **26 (25)**

### Invocación do inocente

1 *De David.*

Faime xustiza, Señor,
pois a miña conduta é inocente.
Confío no Señor, e non esvararei.
2 Examíname, Señor, e ponme a proba,
esculca o meu interior e o meu corazón.
3 Teño ante os ollos a túa misericordia
e ando na túa verdade.

4 Non me paro con xente falsa,
nin me xunto cos hipócritas;
5 aborrezo a reunión dos malfeitores,
e non sento cos impíos.
6 Purifico, Señor, as miñas mans
e dou voltas arredor do teu altar
7 proclamando a túa loanza,
contando as túas marabillas.
8 Amo, Señor, a casa onde moras,
o lugar onde habita a túa gloria.

9 Non xuntes a miña alma cos pecadores,
a miña vida coa xente sanguinaria,
10 que leva o crime nas mans,
chea de suborno a súa dereita.
11 A miña conduta é inocente.
Sálvame; ten compaixón de min.
12 O meu pé mantense en bo camiño;
nas asembleas bendigo o Señor.

## SALMO **27 (26)**

### Na terra da vida

1 *De David.*

O Señor é a miña luz e salvación, a quen hei de temer?
O Señor é o meu castelo, ante quen hei de tremer?

2 Cando os malfeitores me atacan
para devorar a miña vida,
son eles, os meus inimigos e opresores,
os que esvaran e caen.

**26** *Invocación do inocente*: a rectitude sincera e probada permite esperar unha sorte diversa da que agarda aos pecadores e aos errados.
**26**, 6 Reflexa os ritos de purificación do culto (Éx **30**, 19-21; Dt **21**, 6ss).
**27** *Na terra da vida*: a expresión da confianza prepara para a súplica. Nun tempo puideron ser dúas oracións independentes, comezando co v. 7 a segunda.
**27**, 2 *Devorar*, comer a carne, calumniar (Dn **3**, 8; **6**, 25).

[3] Mesmo se un exército acampase contra min,
o meu corazón nin temería;
aínda que rompese a combater contra min,
tamén entón confiaría.
[4] Unha cousa lle pido ao Señor,
unha cousa procuro:
habitar na casa do Señor,
todos os días da vida,
para gozar da dozura do Señor,
visitando o seu templo.
[5] Na hora mala escóndeme na súa tenda,
acólleme na súa morada,
érgueme enriba dunha rocha.
[6] Por iso levanto a cabeza
dominando os inimigos que me rodean.

Ofrecerei na súa morada sacrificios xubilosos,
cantarei e entoarei salmos ao Señor.

[7] Escoita, Señor, a voz que chama,
ten piedade e respóndeme.
[8] Por ti dime o corazón:
"Buscade a miña presenza".
A túa presenza eu busco, Señor.

[9] Non te escondas de min,
non me desbotes con ira.
Ti es a miña axuda; non me deixes,
non me abandones, Deus, meu salvador.
[10] Se meu pai e miña nai me abandonan,
acollerame o Señor.

[11] Ensíname, Señor, o teu camiño,
guíame pola senda recta,
por causa dos meus perseguidores.
[12] Non me entregues ao capricho do opresor,
pois érguense contra min falsas testemuñas,
que respiran violencia.

[13] Eu espero gozar dos bens do Señor
na terra da vida.
[14] Espera no Señor;
ten corazón forte e valente
e espera no Señor.

**27**, 13 *A terra da vida* contraponse ao xeol, lugar dos mortos; alí é onde Deus está cos homes (Sal **116**, 9).

## SALMO **28 (27)**

### Súplica e acción de grazas

[1] *De David.*

Por ti chamo, Señor;
non te fagas o xordo, miña rocha,
pois se calas ti no meu caso,
serei coma os que baixan á cova.

[2] Escoita o meu lamento, cando berro cara a ti
e levanto as miñas mans cara ao teu templo.
[3] Non me arrebates cos impíos e malfeitores,
que saúdan coa paz aos veciños,
mentres pensan mal nos adentros.

[4] Págalles conforme os feitos
e conforme a maldade das súas accións;
dálles segundo a obra das súas mans,
devólvelles o seu merecido.

[5] Non contan coa acción do Señor,
nin coas obras da súa man:
que el os destrúa e non os restaure.

[6] Bendito sexa o Señor,
que escoita a miña súplica.
[7] O Señor é a miña forza e o meu escudo;
eu confío nel e axúdame.
Alégraseme o corazón
e doulle as grazas co meu canto.
[8] O Señor é a forza do seu pobo,
fortaleza de salvación do seu unxido.
[9] Salva o teu pobo, bendice a túa herdade,
apacéntaos e lévaos por sempre.

## SALMO **29 (28)**

### Linguaxe da tempestade

[1] *Salmo, de David.*

Tributádelle ao Señor, fillos de Deus,
tributádelle ao Señor honor e forza;
[2] tributádelle ao Señor o honor do seu nome,
adorade o Señor con ornamento sagrado.

[3] Unha voz:
"O Señor sobre as augas,
o Deus glorioso fai treboar,
o Señor sobre as moitas augas".

**28** *Súplica e acción de grazas*: non pode ser o mesmo o pago dos malvados ca o dos xustos. Na liberación dun xusto hai unha mostra para todos.
**28**, 5 Destruír e reconstruír ou restaurar, imaxes que emprega Xeremías (Xer **1**, 10; **24**, 6; **31**, 28; **42**, 10; **45**, 4).

**29** *Linguaxe da tempestade*: canto a Deus creador, dono do mundo, que se revela na forza desencadeada por unha tempestade.
**29**, 3ss O poema repite sete veces o termo "voz" (o trono), para reproducir a tempestade e comentar o que significa.

4 Unha voz: "O Señor no seu poder".
Unha voz: "O Señor na súa maxestade".
5 Unha voz: "O Señor tronza os cedros,
tronza o Señor os cedros do Líbano;
6 fai choutar, coma un becerro, o Líbano,
o Sirión coma un antílope".
7 Unha voz: "O Señor fai lostregar".
8 Unha voz: "O Señor estarrece o deserto,
estarrece o Señor o deserto de Cadex".
9 Unha voz: "O Señor retorce os carballos
e arrinca os arboredos.
No seu santuario todo di: Gloria!
10 O Señor pon o asento sobre as augas,
pon asento de rei eterno.
11 O Señor dálle forza ao seu pobo,
o Señor bendí o seu pobo coa paz".

## SALMO **30 (29)**

### Grazas pola vida

1 *Salmo, canto da dedicación do templo do Señor. De David.*

2 Eu lóote, Señor, que me liberas
e non deixas que o inimigo faga risa de min.
3 Señor, meu Deus,
eu suplico, e ti sándasme;
4 sácasme do abismo
e mantesme na vida,
lonxe dos que baixan ao sepulcro.

5 Cantádelle ao Señor os seus amados,
loade o seu santo nome.
6 O seu anoxo dura só un intre;
o seu favor, toda a vida.
Se hai pranto á tardiña,
ao abrente xa hai ledicia.

7 Eu digo ben seguro:
"Nunca perecerei".
8 O teu favor, Señor, sostén a miña forza;
pero se ocultas o rostro, quedo conturbado.
9 Por ti chamo, Señor,
ao meu dono suplico.
10 Que gañas ti coa miña morte
e con que eu baixe ao sepulcro?
Ou é que pode loarte o po
e proclamar a túa fidelidade?

11 Escoita, Señor; ten compaixón de min,
sé ti, Señor, a miña axuda.

**29**, 9 *Retorce os carballos*, no lugar de "fai parir as cervas", como se debería ler coa vocalización do hebreo.
**29**, 10 *As augas* de arriba (Xén **1**,6ss), enriba das que Deus ten o asento.

**30** *Grazas pola vida*: a vida é o prezado ben que abrangue os bens todos. Fai erguer os ollos cara a Deus, para loar e agradecer, para confiar e suplicar.
**30**, 4 *Abismo*, o lugar dos mortos, o xeol (Sal **9**, 18; **18**, 6; **28**, 1; **49**, 15s; **88**, 4ss; **105**, 4).

12 Ti podes trocar o loito en danza,
espirme do saco e vestirme de festa,
13 para que o meu peito che cante, sen calar.
Señor, meu Deus,
por sempre te hei loar.

## SALMO **31 (30)**

### Nas túas mans está o meu porvir

1 *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

2 A ti, Señor, eu acóllome:
que endexamais non me vexa defraudado.
3 Pon o oído cara a min,
dáte présa en socorrerme.
Sé a rocha do meu refuxio,
o castelo forte onde me salve.

4 Xa que ti es a miña rocha e o meu castelo,
por mor do teu nome, diríxeme e guíame.
5 Tírame da rede que me tenden,
pois ti es o meu refuxio.
6 Nas túas mans encomendo a miña vida,
e ti librarasme, Señor, Deus fiel.

7 Aborrezo a quen adora ídolos vans;
en canto a min, eu confío no Señor.
8 Teño gozo e ledicia na túa misericordia,
pois ti ollas a miña aflición,
e coñeces as miñas angustias.
9 Non me entregas nas man do inimigo,
ti pos en campo aberto os meus pés.

10 Ten compaixón, Señor, pois estou aflixido,
gástanse de tristura os meus ollos,
a alma e mais as entrañas.
11 A miña vida consómese na dor,
os meus ósos en xemidos;
a miña forza treme coa aflición,
e consómense os meus ósos.

12 Son o riso dos inimigos,
a burla dos meus veciños.
Para os meus coñecidos son espanto:
foxen ao verme na rúa.
13 Esquécense de min, coma dun morto;
eu son coma un cacharro que non serve.

14 Oio o murmurar da xente
terror por todos os lados,
cando se xuramentan contra min
e traman quitarme a vida.

**31** *Nas túas mans está o meu porvir*: a confianza en Deus afasta as aflicións do corpo e do espírito; desarma os inimigos que aburan e os amigos que desleixan. **31**, 6 Na boca de Xesús e de Estevo na hora da agonía (Lc **23**, 46; Feit **7**, 59).

15 Mais eu teño confianza en ti, Señor,
e digo: "Ti es o meu Deus.
16 Nas túas mans está o meu porvir:
líbrame do poder dos inimigos e dos meus perseguidores.
17 Fai brillar o teu rostro para o teu servo,
sálvame, pola túa misericordia.

18 Señor, que non me avergonce de invocarte;
que se avergoncen os malvados
e baixen, mudos, ao abismo.
19 Enmudezan os labios mentireiros,
que falan en contra dos xustos
con insolencia, soberbia e desprezo.

20 Que grande é o ben
que reservas para aqueles que te temen,
o que lles fas aos que a ti se acollen,
á vista de todas as xentes!
21 Na túa presenza faslles un refuxio,
un agarimo contra a conxura humana.
Escóndeos na túa tenda
das linguas maliciosas.
22 Bendito sexa o Señor,
que me mostra un amor admirable
nunha vila amurallada".
23 Moi apurado eu dicía:
"Botáchesme de diante dos teus ollos".
Pero a verdade é que me escoitas,
cando clamo cara a ti.
24 Amade o Señor, todos os xustos:
o Señor garda os leais
e dálles o seu pago aos soberbios.
25 Sede fortes e valentes
os que esperades no Señor.

## SALMO **32 (31)**

### **Perdoaches a miña culpa**

1 *De David, maskil.*

Feliz o que ten perdoada a súa culpa,
encuberto o seu pecado.
2 Feliz aquel a quen o Señor
non lle ten en conta o seu pecado
e non leva fraude no espírito.

3 Mentres calaba, consumíanseme os ósos;
era un laiarme todo o día.
4 Día e noite a túa man pesaba sobre min
e o meu vigor murchou coma no ardor do verán.

**32** *Perdoaches a miña culpa*: oración penitencial (Sal **6**).
O que se sente perdoado agradece, canta e pregoa a súa felicidade.

5 Confeseiche o meu pecado,
non che escondín o meu delito;
dixen para min: "Confesarei os erros ao Señor",
e ti perdoaches a miña culpa.

6 Por isto implorarante todos os xustos,
na hora da súa angustia
e a enxurrada das augas
non os tocará.
7 Ti es o meu agarimo: gárdasme dos perigos
e cínguesme co gozo do rescate.

8 Eu instruireite e ensinareiche
o camiño que has de seguir;
aconsellareite, pousarei os meus ollos sobre ti.
9 Non sexades coma o cabalo e o mulo,
que non teñen entendemento:
hai que domarlles o ímpeto coa rédea e mais co freo,
doutro xeito non se acercan.

10 Moitas son as dores dos malvados,
pero quen confía no Señor
experimentará a súa graza.
11 Alegrádevos no Señor e reloucade os xustos,
aclamádeo todos os rectos de corazón.

## SALMO **33 (32)**

### Canto á palabra creadora

1 Alegrádevos, xustos, no Señor:
aos rectos acáelles a loanza.
2 Festexade o Señor con cítolas,
tocade con arpa de dez cordas.
3 Cantádelle unha nova cántiga,
tanxédelle ben, con aturuxos.

4 A palabra do Señor é recta
e todas as súas obras son leais:
5 El quere o dereito e a xustiza,
a súa misericordia enche a terra.

6 Pola palabra do Señor foron feitos os ceos,
polo alento da súa boca todos os astros.
7 Xuntou, coma nun fol, a auga do mar,
meteu en depósitos o océano.

8 Adore ao Señor a terra enteira,
estremézase diante del a poboación do orbe,
9 pois falou El, e existiron,
mandouno El, e xurdiron.

**32**, 9 Texto hebreo confuso. Comparación dos fatos cos animais (Sal **49**, 13. 21; **73**, 22; Pr **26**, 3).
**33** *Canto á palabra creadora*: loanza ao Deus que vén ao encontro dos homes como creador e salvador no mundo, nos acontecementos da vida, nas vitorias.
**33**, 6 *Astros* ou exércitos, as cousas creadas (Xén **2**, 1; Is **34**, 4).
**33**, 9 A creación pola palabra (Xén **1**, 3ss).

10 O Señor estraga o consello das nacións,
desbarata os designios dos pobos.
11 O consello do Señor dura por sempre,
os seus plans de xeración en xeración.

12 Feliz a nación que ten a Deus por Señor,
o pobo que El elixiu como herdade.

13 Desde o ceo mira o Señor,
olla para todos os homes;
14 desde a súa morada observa
a todos os habitantes da terra:
15 El modelou o corazón de todos eles
e esculca as súas obras.

16 Non os moitos soldados lle dan a vitoria ao rei
nin é a moita forza a que salva o guerreiro;
17 engano é a cabalaría para a vitoria,
un grande exército non é a salvación.

18 Os ollos do Señor miran polos seus fieis,
polos que esperan na súa misericordia,
19 para librar a súa vida da morte,
para os manter no tempo da miseria.

20 Nós agardamos o Señor:
El é o noso socorro, o noso escudo.
21 Nel alégrase o noso corazón
e confiamos no seu nome.

22 Veña a nós, Señor, a túa misericordia,
como de ti o esperamos.

## SALMO **34 (33)**

### Prosperidade para os pobres

1 *De David. Cando se finxiu louco diante de Abimélec*
*e marchou despedido.*

2 Eu bendigo ao Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza;
3 glóriome no Señor,
e os humildes alégranse, ao escoitalo.

4 Exaltade comigo ao Señor,
loemos xuntos o seu nome.
5 Eu busco o Señor, e El responde,
líbrame de todos os temores.
6 Ollade para El e refulxide,
non poñades caras murchas.

**33**, 16s Coma no Sal **20**, 8; **147**, 10; Is **31**, 1.
**34** *Prosperidade para os pobres*: En forma alfabética, este salmo comeza como un himno e acaba como un poema didáctico. Ensina que Deus asegura a prosperidade para os xustos.

7 O Señor escoita o pobre que o chama
e líbrao de todos os apertos.
8 O anxo do Señor acampa en torno aos seus fieis
e dálles seguridade.

9 Gustade e vede que bo é o Señor:
feliz quen a El se acolle.
10 Temede o Señor os seus devotos,
pois nada lles falta aos que o temen.
11 Empobrecen os ricos, pasan fame,
pero aos que buscan ao Señor ningún ben lles faltará.

12 Vinde, fillos, escoitade:
ensinareivos o temor do Señor.
13 Quen ama a vida
e arela días de prosperidade?
14 Garda a túa lingua do mal,
os teus labios de falas enganosas.
15 Arrédate do mal e fai o ben,
busca a paz, corre tras ela.

16 Os ollos do Señor están cara aos xustos,
os seus oídos cara ao seu clamor;
17 mais o Señor mira con anoxo os malvados,
para borrar da terra a súa memoria.
18 Claman aqueles, e o Señor escoita,
líbraos de todas as angustias.
19 O Señor está preto do aflixido,
salva o asoballado.
20 Moitos son os males dos xustos,
pero de todos os libra o Señor.
21 El coida dos seus ósos,
nin un só lle romperán.
22 A maldade mata o impío;
quen aborrece os xustos será castigado.
23 O Señor redime os seus servos:
non será castigado quen a El se acolle.

## SALMO **35 (34)**

### O oprimido espera xustiza

1 *De David.*

Ataca, Señor, os que me atacan,
combate os que me combaten.
2 Colle escudo e broquel,
érguete para axudarme;
3 brande a lanza, failles fronte aos meus perseguidores,
dime: "Eu son a túa salvación".

**34**, 8 *O anxo* é Deus mesmo nas súas manifestacións (Sal **35**, 5; **91**, 11).
**34**, 9 Citado en 1 Pe **2**, 3.
**34**, 11 *Os ricos*, lectura tirada dos Setenta.
**35** *O oprimido espera xustiza*: Súplica pola liberación e porque Deus xulgue aos opresores.

[4] Avergóncense e confúndanse
os que buscan a miña vida;
volvan avergonzados
os que buscan o meu dano.
[5] Sexan coma coaño ante o vento,
e que os axote o anxo do Señor.
[6] Sexa o seu camiño tebroso e esvaradío,
e que os persiga o anxo do Señor.

[7] Sen razón téndenme redes,
sen razón cávanme foxos.
[8] Que lles veña a ruína de improviso,
que os collan as redes que tenderon
e que caian nos foxos que cavaron.

[9] Eu alegrareime no Señor,
folgarei co seu socorro.
[10] Dirá todo o meu ser:
"Señor, quen hai coma ti,
que defendes os humildes dos poderosos,
os pobres e indixentes dos que os desposúen?".

[11] Preséntanse testemuñas violentas
e interróganme sobre cousas que non sei.
[12] Páganme mal por ben,
desposúenme de todo.

[13] Pero eu, cando estaban eles enfermos,
vestíame de saco,
aflixíame co xaxún
e inclinábame na súplica.
[14] Como por amigos e irmáns andaba de aquí para alí,
como en dó pola nai, estaba triste e murcho.
[15] Agora, no meu tropezo, alégranse eles e xúntanse:
xúntanse contra min, baten de súpeto,
tronzan nun sen parar;
[16] profanan e fan burla,
renxen os dentes contra min.

[17] Canto tempo, Señor, o estarás vendo?
Sálvame a vida dos seus ruxidos,
o meu ben único, dos leóns.
[18] Eu dareiche grazas na asemblea,
loareite ante a multitude.

[19] Que non se rían de min os que sen razón me queren mal,
non chisquen o ollo os que sen razón me odian.
[20] Endexamais non saúdan coa paz,
contra a xente tranquila arman as trampas.
[21] Abren a boca contra min, para dicir:
"Vaites, vaites! Vímolo cos nosos ollos".

[22] Ti, Señor, que ves, non cales,
non esteas lonxe de min.

**35**, 10 *Todo o meu ser* é o que se quere dicir con os meus ósos (Sal **6**, 3; **42**, 11; **51**, 10).

**35**, 12 *Mal por ben*, como en Xén **44**, 4; Sal **38**, 21; **109**, 5.

**35**, 16 *Profanan*, reconstruído segundo os Setenta.

[23] Esperta, apura, por mor do meu dereito,
meu Deus e meu Señor, por mor da miña causa.
[24] Xúlgame ti, Señor, meu Deus, conforme a túa rectitude,
que non se rían de min;
[25] que non poidan pensar: "Ala! O que queriamos";
que non poidan dicir: "Xa o engulimos".

[26] Avergóncense e confúndanse
os que se alegran do meu mal;
cúbranse de aldraxe e deshonra
os que se enfronten a min.
[27] Que canten e se alegren
os que queren o meu triunfo,
e que poidan dicir: "Sexa exaltado o Señor,
que quere a paz do seu servo".
[28] A miña lingua proclamará a túa xustiza
e a túa loanza o día enteiro.

## SALMO **36 (35)**

### Vinganza e providencia

[1] *Do mestre do coro. De David, servo do Señor.*

[2] Unha sentenza de culpa contra o impío
levo no corazón.
O temor de Deus non conta aos seus ollos,
[3] gábanse de non atopar en si maldade que aborrecer.
[4] Os ditos da súa boca son malignos e falsos,
deixou de entender e de facer o ben.
[5] No seu leito remoe na maldade,
teima no mal camiño,
non ten repugnancia do mal.
[6] A túa misericordia, Señor, alcanza o ceo,
a túa fidelidade chega ás nubes.
[7] A túa xustiza é alta coma os montes,
os teus xuízos son fondos coma o mar.
Ti, Señor, socorres a homes e animais.
[8] Que precioso, Deus, é o teu amor!

Os humanos acóllense á sombra das túas ás,
[9] fártanse coa abundancia da túa casa.
Ti dáslles a beber do río das túas delicias,
[10] pois está en ti a fonte da vida,
e a túa luz fai que vexamos nós a luz.

[11] Alonga o teu favor aos que te recoñecen,
a túa providencia aos rectos de corazón.
[12] Que os pés do soberbio non me atrapen,
que non me mova a man do impío.
[13] Alá caen xa os malfeitores,
e, caídos, non poden máis erguerse.

**36** *Vinganza e providencia*: A vista da sorte dos malvados, os xustos suplican de Deus misericordia.
**36**, 2 *Unha sentenza de culpa*: tradución que interpreta unha expresión ambigua.
**36**, 8 As *ás* significan protección (Sal **17**, 8; **57**, 2; **63**, 8; **91**, 4).

# SALMO **37 (36)**

## Hai un porvir para os xustos

[1] *De David.*

Non te alporices por cousa dos malvados,
nin envexes os malfeitores;
[2] pois axiña secan, coma o feo,
murchan, coma a herba.

[3] Confía no Señor e fai o ben,
vive na terra, practicando a lealdade;
[4] pon as delicias no Señor:
El darache o que arela o teu corazón.

[5] Encomenda ao Señor o teu porvir
e confía nel, que El fará:
[6] El fará saír a túa xustiza coma a luz,
o teu dereito coma o sol do mediodía.

[7] Descansa no Señor e espera nel,
non te irrites polos que triunfan
e polos que manexan a intriga.
[8] Calma a ira, reprime o anoxo,
non te irrites: poderías facer mal.

[9] Os malvados serán certamente destruídos,
mais os que esperan no Señor posuirán a terra.
[10] Un pouco aínda: xa os impíos non existen,
fíxate no seu lugar: xa non están;
[11] os humildes, en cambio, herdan a terra
e gozan de paz perfecta.
[12] O malvado trama o mal contra os xustos
e renxe os dentes contra eles;
[13] pero o Señor ri das súas contas,
vendo que lles chega o seu día.

[14] Os impíos desenvaíñan as espadas,
tensan os seus arcos,
para abater os pobres e os humildes,
para lles dar morte aos honrados,
[15] Pero a súa propia espada lles atravesará o corazón
e hanse quebrar os seus arcos.

[16] Vale máis a migalla dos xustos
do que a opulencia dos malvados,
[17] pois aos malvados rómpenlles os brazos,
pero os xustos sostenos o Señor.
[18] O Señor coida da sorte dos honrados,
a súa herdade é duradeira.
[19] No tempo da desgraza non quedarán defraudados,
nos días de fame han ter fartura.

**37** *Hai un porvir para os xustos*: Profesión de confianza na retribución xusta de Deus. Cada un terá no seu futuro o porvir que merece.

**37**, 36 *Pasei*, lendo coas Versións a primeira persoa (v. 10; Xob **20**, 7).

20 Perecerán en troques os malvados,
murcharán os inimigos do Señor
coma o verde dos prados;
han esvaecer coma o fume.

21 O malvado pide prestado e non devolve,
mais o xusto apiádase e fai dons.
22 Aqueles que El bendiga posuirán a terra,
os que El maldiga serán exterminados.

23 O Señor asegura os pasos do home
que co seu camiño o comprace.
24 Non quedará por terra, aínda que caia,
pois o Señor teno da man.
25 Fun mozo e agora vou vello,
e nunca vin un xusto abandonado,
nin os seus fillos pedindo pan.
26 Apiádase sempre e presta,
e a súa descendencia é loada.

27 Fuxe do mal e fai o ben,
e terás casa duradeira;
28 porque o Señor ama a xustiza
e non abandona os seus fieis.
Estes perdurarán,
mentres a caste dos malvados é arrincada.
29 Os xustos herdarán a terra
e habitarán nela para sempre.
30 A boca do xusto deita sabedoría,
a súa lingua fala o que é recto.
31 Leva no corazón a lei de Deus,
e os seus pasos non tremelan.

32 O malvado axexa ao xusto,
buscando darlle morte.
33 Pero o Señor non o deixa da súa man
nin permite que o condenen no xuízo.

34 Confía no Señor e garda o seu camiño:
el levarate á posesión da terra
e a ver o exterminio dos malvados.
35 Vin o malvado presumir,
crecer coma o cedro frondoso;
36 pasei de novo e xa non estaba,
busqueino e non o atopei.

37 Garda a inocencia e gusta do dereito,
pois para a xente de paz hai posteridade;
38 mentres os pecadores serán dun golpe exterminados,
a posteridade dos malvados extinguida.

39 A salvación dos xustos vén do Señor:
El é o seu refuxio no tempo da angustia.
40 O Señor axúdaos e líbraos,
líbraos dos malvados e presérvaos,
porque se acollen a El.

# SALMO **38 (37)**

## Eu confeso a miña culpa

1 *Salmo, de David, en lembranza.*

2 Señor, non me reprendas con ira,
non me corrixas con furor.

3 As túas frechas espetáronse en min,
sobre min descende a túa man.
4 Non hai membro san no meu corpo
por mor da túa indignación;
non hai sosego para os meus ósos,
por causa do meu pecado.

5 As miñas culpas sóbenme á cabeza,
como carga que non podo aturar;
6 as miñas chagas feden e deitan pus,
por culpa dos meus erros.

7 Ando encollido, derreado,
sombrizo, todo o día.
8 Os meus riles están cheos de quentura,
non hai no meu corpo membro san.
9 Estou esgotado, de todo deprimido,
bruando cos bramidos do meu peito.

10 Todas as miñas ansias, Señor, che están presentes,
os meus suspiros non se che esconden.
11 O meu corazón palpita, as forzas abandónanme
e mesmo me falta a luz dos meus ollos.

12 Amigos e compañeiros foxen das miñas chagas,
os meus parentes quédanse ao lonxe.
13 Os que atentan contra a miña vida tenden lazos,
os que buscan o meu mal falan de ruína
e traman traizón todo o día.

14 Pero eu son coma xordo que non oe,
coma mudo que non abre a súa boca.
15 Son coma o que non oe
e non ten resposta que dar.

16 En ti, Señor, confío,
e ti responderás, Señor, meu Deus.
17 Eu pido: "Non se rían á miña conta,
non me asoballen, se esvara o meu pé".
18 Porque, en verdade, estou para caer,
e a miña dor sempre comigo.
19 Eu confeso a miña culpa,
inquiétame o meu pecado.

**38** *Eu confeso a miña culpa*: súplica polo perdón, pola saúde e pola liberación da man dos opresores. É un salmo penitencial (Sal **6**).

**38**, 3 *As frechas* das probas e dos castigos (Ez **5**, 16; Lam **3**, 12s; Xob **6**, 4).

20 Os inimigos da miña vida son potentes;
son moitos os que me odian sen razón;
21 os que volven mal por ben sonme hostís,
por buscar eu o ben.

22 Non me abandones ti, Señor,
non esteas lonxe, meu Deus.
23 Dáte présa a axudarme,
Señor, a miña salvación.

## SALMO **39 (38)**

### A medida dos meus días

1 *Do mestre do coro, segundo Iedutún. Salmo, de David.*

2 Propúxenme coidar do meu comportamento,
non errar coa miña lingua,
gardar con freo a miña boca,
namentres o impío está diante.
3 Afundinme no silencio, calei diante da sorte,
pero a miña dor recruou.
4 O corazón ardíame por dentro,
o meu cavilar botaba lume,
e deixei libre a miña lingua.

5 Móstrame, Señor, cal é o meu porvir,
cal a medida dos meus días,
para que entenda o efémero que son.
6 Déchesme vida de poucos palmos,
a miña existencia é unha nada ante ti.
Como moito, é un sopro
o que dura un home.
7 Vaise coma unha sombra,
axítase para nada,
atesoura sen saber para quen.

8 E agora, Señor, que esperanza me queda?:
a miña confianza está en ti.
9 Líbrame ti dos meus pecados,
non me expoñas á burla dos parvos.
10 Eu calo: non quero abrir a boca,
pois es ti quen actúa.
11 Arreda os teus golpes de min,
pois desfaime o furor da túa man.
12 Ti castigas os homes para escarmento
e como a traza roes a súa fermosura:
soamente un sopro son os homes.
13 Escoita, Señor, a miña oración,
atende a miña queixa
e non fagas o xordo ás miñas bágoas.

**39** *A medida dos meus días*: Elexía aceda sobre a condición efémera da existencia humana: amorear calamidades, pecados e castigos, ata que o home acaba rebelándose.
**39**, 2 *Propúxenme*, literalmente "díxenme".

Eu son para ti un forasteiro,
un peregrino coma os meus antepasados.
14 Deixa de espreitarme, para que poida alentar,
antes de que me vaia e non exista.

## SALMO **40 (39)**

### Non escondo a túa xustiza

1 *Do mestre do coro. De David, salmo.*

2 Esperar, eu espero no Señor:
El vólvese para min e escoita o meu lamento.
3 Tírame do pozo burbullante,
da poza lamacenta;
ergue os meus pés sobre a rocha
e afirma os meus pasos.
4 Ponme na boca un cantar novo,
loanza do noso Deus.

Ao velo, moitos temerán
e confiarán no Señor.
5 Feliz o que pon no Señor a esperanza
e non acode aos arrogantes,
que se extravían no engano.

6 Grandes cousas fas, Señor, meu Deus;
nos teus proxectos sobre nós ninguén se che semella.
Se quixese referilos e pregoalos,
excederían toda conta.

7 Ti non queres sacrificios e ofrendas
sobre iso abríchesme o oído,
non pides holocaustos nin vítimas expiatorias.
8 Entón digo: "Aquí veño
co libro escrito para min".
9 Facer a túa vontade, meu Deus, é o que eu quero:
a túa lei está no fondo de min mesmo.

10 Proclamo a túa salvación na asemblea,
non pecho os meus labios: ben o sabes, Señor.
11 Non escondo no peito a túa xustiza,
anuncio a túa fidelidade e o teu auxilio.
Non encubro o teu amor e a túa verdade
diante da gran asemblea.

12 E ti, Señor, non me cerres as entrañas;
que me garden sempre o teu amor e verdade,
pois males sen conto me rodean,
atrápanme as miñas culpas,
xa non podo nin ver.
13 Son máis numerosas ca os pelos da cabeza,
e fáltame o alento.

**40** *Non escondo a túa xustiza*: Acción de grazas e deprecación de nova axuda. A segunda parte, desde o v. 12, volve a aparecer no Sal **70**.

**40**, 3 Referencia ao sepulcro e ao xeol (Sal **18**, 5; **88**, 4s).
**40**, 7 Crítica da piedade aparente (Am **5**, 12s; Os **6**, 6; Xer **7**, 21-23; Sal **50**, 7ss).

14 Ten a ben, Señor, salvarme,
corre, Señor, a axudarme.
15 Que se vexan confusos e corridos
os que me perseguen a morte;
que volvan para atrás, avergonzados,
os que buscan a miña ruína;
16 que enmudezan de vergonza
os que se rin de min.

17 Alégrense e folguen contigo
todos os que te buscan;
que poidan sempre dicir
os que ansían a túa salvación:
"Exaltado sexa o Señor".

18 Eu son humilde e pobre,
pero o Señor coida de min.
Ti es a miña rocha, o meu liberador:
meu Deus, non te demores.

## SALMO **41 (40)**

### Conforto na enfermidade

1 *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

2 Feliz quen coida do coitado:
no día da calamidade librarao o Señor.
3 O Señor gardarao, conservaralle a vida,
farao feliz sobre a terra
e non o entregará ao capricho do inimigo.
4 O Señor socorrerao no leito da dor,
aliviarao na súa enfermidade.

5 Eu digo: "Señor, ten compaixón de min,
sándame, que teño pecado contra ti".
6 Os meus inimigos agóiranme o peor:
"A ver se morre e se perde o seu nome".
7 Se algún me vén ver, finxe,
garda nos adentros cousas de malicia,
para pregoalas ao saír.

8 Os meus inimigos xúntanse para murmuraren de min,
e apóñenme o mal que padezo:
9 "Unha peste maligna caeu sobre el;
deitouse para non se erguer nunca máis".
10 Mesmo o amigo en quen confiaba,
que comía do meu pan,
levanta o seu pé contra min.
11 Pero ti, Señor,
ten compaixón de min e ponme en pé,
para que poida pagarlles.

**41** *Conforto na enfermidade*: Oración pola saúde do corpo e do espírito e por unha vida chea de bens.

**41**, 8 O que sofre di o principio da retribución, sofre pola súa culpa (Sal **38**, 4; **107**, 17).

12 Nisto saberei que teño o teu favor:
que o meu inimigo non cante vitoria sobre min.
13 Se eu estou san, é que ti me sostés
e mantesme sempre diante de ti.

14 Bendito sexa o Señor, Deus de Israel,
desde sempre e para sempre. Amén. Amén.

## SALMO **42 (41)**

### A miña alma ten sede

1 *Do mestre do coro. Maskil, dos coreítas.*

2 Como devece a cerva pola auga dos regatos,
así devece por ti, meu Deus, a miña alma.
3 A miña alma ten sede do Deus vivo:
cando verei o rostro de Deus?

4 As miñas bágoas son, día e noite, o meu pan,
mentres decote me din:
"Onde está o teu Deus?".
5 Cando diso me lembro,
desafoga comigo a miña alma:
"Eu marchaba á fronte do pobo
cara á casa de Deus,
entre voces de xúbilo e loanza
de xentío en festa".

6 Por que desacougas, miña alma,
e por que andas inqueda?
Volverei aínda a loalo:
a miña salvación, o meu Deus.

7 A miña alma esmorece,
e por iso lémbrome de ti,
desde o Xordán, o Hermón e o Misar.
8 Un abismo chama a outro
con voces de cachoeira;
as túas cristas e as túas ondas
pasan por riba de min.

9 Polo día outorga o Señor a súa axuda,
pola noite cántolle ao Deus da miña vida.
10 Direille: "Miña rocha, por que te esqueces de min?
Por que terei que andar penando,
asoballado polo inimigo?".
11 Québranseme os ósos
polas burlas dos opresores,
que decote me din:
"Onde está o teu Deus?".

**41**, 14 Doxoloxía que cerra o libro primeiro dos salmos.
**42** *A miña alma ten sede*: O home pregunta con saudade polo Deus que está escondido na súa transcendencia. Este salmo e mais o seguinte fan unha mesma oración.
**42**, 2 A imaxe é realista e ten forza (Xer **14**, 5s; Xl **1**, 20).
**42**, 3 *Deus vivo*, que vive e dá vida (Xer **10**, 10; **23**, 36; Sal **84**, 3).

12 Por que desacougas, miña alma,
e por que andas inqueda?
Espera en Deus.
Volverei aínda a loalo:
a miña salvación, o meu Deus.

## SALMO **43 (42)**

### A miña alma ten sede

1 Faime xustiza, Deus, defende a miña causa
da xente sen piedade;
líbrame do home falso e perverso.

2 Ti es o meu Deus e o meu refuxio.
Por que, pois, me rexeitas?;
por que terei que andar penando
asoballado polo inimigo?

3 Manda a túa luz e a túa verdade,
que elas me guiarán:
levaranme ao teu monte santo,
á túa mesma morada.

4 Achegareime ao altar de Deus,
o Deus da miña alegría,
e loareite ao son da cítola,
Deus, o meu Deus.

5 Por que desacougas, miña alma,
e por que andas inqueda?
Espera en Deus.
Volverei aínda a loalo:
a miña salvación, o meu Deus.

## SALMO **44 (43)**

### Érguete e redímenos

1 *Do mestre do coro. Dos coreítas, maskil.*

2 Nós mesmos, Deus, oímolo,
e nosos pais nolo contaron:
a obra que fixeches nos seus días,
nas idades remotas.

3 Coa túa propia man
desherdaches xente, para establecelos;
destruíches nacións, para estendelos.

**43** *A miña alma ten sede*: Segunda parte do Sal **42**.
**43**, 2 *Rexeitas*, queixa fonda do que sofre (Sal **44**, 10. 24; **60**, 3).

**44** Érguete e redímenos: Elexía nacional, á vista dunha calamidade que aflixe ao pobo enteiro. Trátase quizais da destrución de Xerusalén. Parece que desmente o prodixioso pasado de salvación e de promesa.
**44**, 3 Referencia á posesión da terra prometida (Sal **80**, 9).

4 Non adquiriron o país coa súa espada,
nin foi o seu brazo quen lles deu a vitoria,
senón a túa dereita e o teu brazo
e a luz da túa presenza, porque os amabas.

5 Es ti, meu Deus e meu rei,
quen lle dá a vitoria a Xacob.
6 Contigo rexeitamos os nosos agresores,
no teu nome calcamos nos nosos adversarios.
7 Non é no meu arco en quen confío
nin é a miña espada a que me dá a vitoria.
8 Ti es quen nos libra dos que nos aldraxan,
quen confundes os que nos odian.
9 En Deus está a nosa gloria;
no seu nome, a nosa gabanza.

10 Mais agora rexéitasnos, exposnos á vergonza,
non saes cos nosos exércitos á guerra.
11 Déixasnos recuar diante dos inimigos,
espóliannos os nosos agresores.
12 Entrégasnos, coma res de matadoiro,
espállasnos entre todas as xentes.
13 Vendes sen prezo o teu pobo,
sen gañar na súa venda.
14 Fas de nós o riso dos veciños,
a burla e o escarnio do arredor.
15 Fas de nós a rexouba das xentes
e o aceno burlón dos demais pobos.
16 A deshonra está todo o día ante min,
cóbreme a cara a vergonza
17 cando escoito aos que insultan e aldraxan,
cando vexo inimigos e adversarios.

18 E todo isto pasounos sen te esquecermos,
sen violarmos a túa alianza,
19 sen volver atrás o noso corazón
nin desviar os pés do teu camiño.
20 Ti botáchesnos aos chacais,
cubríchesnos de tebras.
21 Se esquecésemos o noso Deus
ou erguésemos as mans a un deus alleo,
22 non o ía Deus descubrir,
El, que coñece os íntimos segredos?
23 Pola túa culpa somos decote degolados,
tratados coma res de matadoiro.

24 Esperta. Por que estás, Señor, durmido?
Érguete. Non nos rexeites para sempre.
25 Por que ocultas a túa cara,
esqueces a nosa miseria e opresión?
26 O noso alento está prostrado no po,
o noso ventre polo chan.
27 Érguete na nosa axuda,
redímenos, pola túa misericordia.

**44**, 12 Unhas das varias alusións no salmo ao desterro **44**, 23 En Rm **8**, 36 refírese á sorte dos cristiáns. (Ez **5**, 10. 12; Sal **106**, 27).

# SALMO **45 (44)**

## Unha cántiga para o rei

[1] *Do mestre do coro, con cítolas de Xuxán. Dos coreítas, maskil.*
*Cántiga de amor.*

[2] No meu corazón bole unha palabra fermosa:
vou recitar unha cántiga para o rei;
a miña lingua é lixeira, coma pluma de escribán.

[3] Ti es o máis fermoso dos nacidos de home,
os teus labios deitan a graza:
por iso Deus te bendí para sempre.
[4] Cingue, valente, a túa espada,
ela é o teu brillo e a túa gloria.
[5] A túa gloria está en loitar
pola verdade e pola xustiza;
os teus adornos son os escarmentos da túa dereita.
[6] As túas setas son agudas: diante de ti caen os pobos
e no medio deles os inimigos do rei.

[7] O teu trono, coma o de Deus, é duradeiro;
un cetro de equidade, o teu cetro real.
[8] Ti amas a xustiza e aborreces a iniquidade:
por iso Deus te unxiu
con óleo de alegrías, entre os teus compañeiros.
[9] A mirra, áloe e canela recenden os teus vestidos,
en pazos de marfil alégrante as arpas.
[10] Fillas de reis tes por amigas,
e á túa dereita, a raíña, con ouro de Ofir.

[11] Escoita, filla, olla e atende:
Esquece o teu pobo e a casa de teu pai.
[12] O rei está prendido da túa fermosura:
réndete a el, pois el é o teu señor.
[13] Os de Tiro veñen con presentes,
os próceres dos pobos buscan o teu favor.

[14] Entra con todo o honor dunha princesa,
bordados en ouro os seus vestidos;
[15] con variado atavío é conducida ao rei,
acompañada polas súas doncelas.
Preséntante as amigas,
[16] condúcente con xúbilo algareiro,
introdúcente no pazo do rei.

[17] No canto de teus pais terás os teus fillos
e poralos por príncipes da terra.
[18] Eu farei que por xeracións se recorde o teu nome,
e que por séculos te loen as nacións.

**45** *Unha cántiga para o rei*: Un poema que loa o resplandor, a fermosura, a valentía e as vitorias dun rei. A derradeira parte permitiría definilo como un epitalamio ou canto ás vodas do rei.

**45**, 10 *Ofir* en Arabia é coñecida polo seu ouro (1 Re **9**, 28ss; Is **13**, 12).

## SALMO **46 (45)**

### O Señor está connosco

[1] *Do mestre do coro. Dos coreítas, segundo Alamot, cántiga.*

[2] Deus é para nós refuxio e forza,
axuda certa na angustia.
[3] Por iso non tememos, aínda que a terra trema
e os montes abalen cara ao mar;
[4] aínda que fervan e escumen as súas augas
e se estremezan os montes coa súa furia.

O Señor dos exércitos está connosco,
o noso castelo é o Deus de Xacob.

[5] Un río: as súas correntes alegran a cidade de Deus,
a morada santa do Altísimo.
[6] Deus está no medio dela e non pode caer;
Deus socórrea ao despuntar o día.
[7] Brúan as xentes, rebélanse os reinos;
fai El treboar e derrétese a terra.

[8] O Señor dos exércitos está connosco,
o noso castelo é o Deus de Xacob.

[9] Vinde e vede as obras do Señor,
o que fai escarmentos na terra.
[10] Contén a guerra en todos os confíns,
rompe os arcos, quebra as lanzas,
queima os carros de guerra.
[11] "Desistide e recoñecede que eu son Deus,
por riba das xentes, por riba da terra".

[12] O Señor dos exércitos está connosco,
o noso castelo é o Deus de Xacob.

## SALMO **47 (46)**

### O rei de toda a terra

[1] *Do mestre do coro. Dos coreítas, salmo.*

[2] Aplaudide, pobos todos,
aclamade a Deus con cancións.

[3] O Señor é excelso e terrible,
o grande rei de toda a terra.
[4] El subxuga os pobos para nós,
pon debaixo nosa as nacións.
[5] Escolle para nós a nosa herdade,
orgullo de Xacob, o seu amado.

**46** *O Señor está connosco*: Deus, dono do mundo e señor da historia, ofrece seguridade cumprida ao seu pobo.
**46**, 4 O texto hebreo non leva aquí o refrán, que reaparece despois.
**46**, 5 *Un río*, frase nominal independente. Coñéceno os textos que ven a Xerusalén como símbolo do paraíso (Ez **47**, 1ss; Xl **4**, 18; Ap **22**, 1s).
**47** *O rei de toda a terra*: Canto de loanza a Deus, rei do mundo enteiro, coma os Sal **93** e **96-99**. O reinado de Deus alóngase ata a salvación escatolóxica.

6 Deus sobe entre aclamacións,
o Señor, ao son de trompetas.
7 Cantádelle a Deus, cantádelle;
cantádelle ao noso rei, cantádelle.
8 Deus é o rei de toda a terra:
cantádelle con xeito.

9 Deus reina sobre as nacións
sentado no seu trono sagrado.
10 Os nobres dos pobos xúntanse
co pobo de Deus de Abraham,
pois de Deus son os grandes da terra:
e El, o máis excelso.

## SALMO **48 (47)**

### A cidade do noso Deus

1 *Cántiga. Salmo, dos coreítas.*

2 Grande é o Señor e digno de loanza
na cidade do noso Deus.
3 O monte santo, fermoso outeiro,
é o gozo de toda a terra;
o monte Sión, cima setentrional,
a capital do gran rei.
4 Deus nos seus alcázares
deuse a coñecer como refuxio.

5 Vede que se uniron os reis,
para marcharen xuntos contra ela;
6 mais, ao vela, admiráronse,
turbáronse, fuxiron asustados.
7 Colleunos alí o terror,
un tremor coma de parto,
8 coma cando o vento do leste
esnaquiza as naves de Tárxix.

9 Como o oiramos, así o vimos
na cidade do Señor dos exércitos,
a cidade do noso Deus:
Deus fíxoa firme para sempre.
10 Nós festexamos, Deus, o teu amor
dentro do teu santuario.
11 Coma o teu nome, Deus, así a túa loanza
chega aos confíns da terra.
A túa dereita está chea de xustiza;
12 alégrase o monte Sión,
as cidades de Xudá reloucan
á vista dos teus xuízos.

**47**, 10 *Os grandes*, literalmente os escudos, os que defenden.
**48** *A cidade do noso Deus*: Canto de Sión, coma Sal **46**, **76**, **87**. Deus revélase na cidade santa salvador para o seu pobo.
**48**, 3 Termos con ecos mitolóxicos do Olimpo semita (Is **14**, 13).
**48**, 5s Compárese con Miq **4**, 11; Sal **2**, 2s.

13 Dádelle a volta a Sión,
contade as súas torres,
14 fixádevos nos seus muros,
percorrede os seus pazos,
para podelo contar á xeración futura.

15 O noso Deus de sempre e para sempre,
El é quen nos guía por riba da morte.

## SALMO **49 (48)**

### O porvir dos satisfeitos

1 *Do mestre do coro. Dos coreítas, salmo.*

2 Oíde isto, pobos todos,
escoitade, habitantes do mundo,
3 o mesmo os humildes ca os nobres,
os ricos e mais os pobres.
4 Vou falar con sabedoría,
matinar con intelixencia.
5 Abrirei o oído á sentencia,
exporei o encuberto ao son da lira.

6 Por que hei ter medo da desgraza,
do mal con que me rodean os meus perseguidores?
7 Dos que confían na riqueza
e se glorian da súa fartura,
8 se ninguén pode librarse
nin pagar a Deus o seu rescate?
9 O prezo das súas vidas é caro por demais,
está para sempre fóra do seu alcance:
10 non poderán vivir eternamente
sen pasaren pola morte.

11 Vese que morre o sabio
e que igualmente perecen o parvo e mais o insensato.
12 O sartego será a súa casa para sempre,
a súa morada perpetua,
por máis que desen ás terras os seus nomes.
13 O home non dura na opulencia,
perece coma os animais.

14 Este é o camiño dos parvos
e o porvir dos satisfeitos.
15 Coma ovellas caen no abismo,
o seu pastor é a morte:
cedo van aló dereitos.
A súa figura desfaise,
a súa morada é o abismo.
16 Mais Deus rescatará a miña vida do poder do abismo:
El hame recoller.

**49** *O porvir dos satisfeitos*: Reflexión dun sabio sobre a vaidade das riquezas e sobre a vida longa dos xustos, rescatados da morte por Deus.

**49**, 16 *Recoller*, non deixar no poder da morte (Xén **5**, 24; 2 Re **2**, 9ss). Sen falar da resurrección, confesa a esperanza na vida que Deus dá por enriba da morte (Sal **16**, 10; **18**, 17; **73**, 24; Os **13**, 14).

17 Non desacougues se alguén se enriquece
e aumenta os bens da súa casa,
18 pois nada levará consigo cando morra
nin a súa riqueza irá tras el.
19 Aínda que en vida se gabe:
"Admiran o ben que vives",
20 irá xuntarse con seus pais,
que endexamais non verán a luz.
21 O home na opulencia non reflexiona,
é coma os animais que perecen.

## SALMO **50 (49)**

### Chamada a xuízo

1 *Salmo, dos asafitas.*

Fala o Señor, o Deus dos deuses,
convoca a terra desde oriente a occidente.
2 Desde a fermosa Sión Deus resplandece,
3 o noso Deus vén e non cala.
Diante del un lume que abura,
arredor del a tempestade que brúa.
4 Desde o alto convoca o ceo e mais a terra
para xulgar o seu pobo.
5 "Congregade ante min os meus fieis,
que cun sacrificio fixeron comigo alianza".
6 Os ceos anunciarán a súa xustiza,
pois é Deus mesmo quen xulga.

7 Escoita, meu pobo, que che falo,
Israel, que vou declarar contra ti:
"Eu son Deus, o teu Deus.
8 Non te reprendo polos teus sacrificios,
pois os teus holocaustos están sempre ante min.
9 Eu non aceptarei becerros do teu gando
nin carneiros dos teus rabaños,
10 pois miñas son as feras todas dos bosques
e nos meus montes hai animais a milleiros,
11 coñezo os paxaros do ceo,
e teño á man canto bole nos campos.
12 Se tivese fame, non cho iría dicir,
pois meu é o mundo e canto o enche.
13 Acaso como eu carne de touros
e bebo sangue de carneiros?
14 Ofrécelle a Deus a loanza
e cumpre os teus votos ao Altísimo.
15 Invócame no tempo do apuro:
eu salvareite e ti darasme gloria".

16 Dille Deus ao impío:
"Para que recitas os meus mandatos
e levas na boca a miña alianza,

**50** *Chamada a xuízo*: Requisitoria de Deus contra o pobo que non garda fidelidade ao seu pacto. Uns satisfanse cun culto sen contido; outros levan só na boca os mandamentos.

**50**, 3 Deus vén do Sinaí ao santuario (Xuí **5**, 4s; Dt **33**, 2; Sal **68**, 8s).
**50**, 8ss Contra o culto mentireiro (Is **1**, 11s; Sal **40**, 7-9; **51**, 18-21).

17 ti que desprezas a instrución
e te viras de costas contra os meus preceptos?
18 Cando ves un ladrón, corres con el
e entre os adúlteros atopas o teu sitio.
19 Abres a boca para o mal
e a túa lingua trama o engano.
20 Apenas sentas, falas do irmán
e tíraslle a sona á filla da túa nai.
21 Cando isto fas, terei eu que calar?;
pensas que son coma ti?
Repréndote e acúsote á cara".

22 Entendede ben isto, os que esquecedes a Deus,
antes que vos esnaquice, sen que ninguén vos salve.
23 O que ofrece loanza dáme gloria;
ao que vai por bo camiño
dareille a salvación de Deus.

## SALMO **51 (50)**

### Miserere

1 *Do mestre do coro. De David.*
2 *Cando o veu ver Natán, o profeta, despois de se ter xuntado David con Batxeba.*

3 Apiádate de min, meu Deus, pola túa bondade,
pola túa misericordia, borra o meu pecado;
4 lávame ben da miña iniquidade,
límpame da miña culpa.

5 Eu recoñezo o meu pecado
e teño sempre presente a miña culpa.
6 Contra ti, contra ti mesmo, eu pequei
e fixen o que é malo aos teus ollos:
por iso será xusta a túa sentenza
e aparecerá recto o teu xuízo.

7 Si, eu nacín no pecado,
no mal concibiume miña nai;
8 e ti amas a verdade no corazón
e no íntimo ensínasme sabedoría.

9 Purifícame co hisopo e serei limpo;
lávame ti e quedarei branco coma a neve.
10 Faime sentir o gozo e a ledicia,
que relouquen os meus ósos quebrantados.
11 Arreda do meu pecado a túa vista
e borra as miñas culpas.

**50**, 18ss Mandamentos do decálogo (Os **4**, 2; Xer **7**, 9; Zac **5**, 3s; Mal **3**, 5).
**51** *Miserere*: De entre os salmos penitenciais (Sal **6**), o Miserere é o que máis afonda na realidade e na pesadume que xera o pecado. O perdón comporta o nacemento dunha nova criatura.
**51**, 3 Os termos reflicten a purificación ritual (Éx **34**, 7; Xer **33**, 8).
**51**, 6 Lembrado en Rm **3**, 4.

12 Crea, Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro cun espírito firme.
13 Non me botes da túa presenza
e non tires de min o teu santo espírito.
14 Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme co espírito xeneroso.

15 Ensinarei o teu camiño aos pecadores
e volverán a ti os descarreirados.
16 Líbrame dos delitos de sangue,
Señor, meu Deus e salvador,
e a miña lingua contará a túa xustiza.
17 Abre, Señor, os meus labios
e a miña lingua pregoará a túa loanza.

18 Con sacrificios ti non te compraces;
se che ofrezo holocaustos, non os aceptarás.
19 O meu sacrificio, Deus, será o espírito contrito:
o corazón contrito e humilde
ti, Deus, non o desprezas.

20 Faille ben a Sión, pola túa bondade,
restaura os muros de Xerusalén.
21 Entón aceptarás os sacrificios puros,
inmolaranse xovencos nos teus altares.

## SALMO **52 (51)**

### Malos e bos terán a súa recompensa

1 *Do mestre do coro. Maskil, de David.*
2 *Cando veu Doeg o edomita onda Xaúl para lle dicir:*
*"David está na casa de Abimélec".*

3 Que gloria atopas na maldade,
home potente e desapiadado?

4 Pasas o día a tramar crimes,
a túa lingua é coma navalla afiada,
ti, artífice do engano.
5 Prefires o mal ao ben,
a mentira á palabra xusta;
6 gustas das conversas que corroen,
ti, lingua embusteira.

7 Por iso Deus hate destruír enteiramente:
hate coller e botar da túa tenda,
arrincarache a raíz da terra da vida.

**51**, 12 O perdón crea de novo (Is **48**, 9; Sal **102**, 19).
**51**, 19 *O corazón contrito*, sacrificio verdadeiro (Sal **34**, 19; **109**, 16; Is **57**, 15).
**52** *Malos e bos terán a súa recompensa*: Mentres para os malos non haberá un porvir, os xustos loarán a Deus por sempre.
**52**, 3 *Potente e desapiadado*, lectura aproximada.
**52**, 4ss Acusación das maldades da lingua (Sal **10**, 7; **12**, 3ss; **50**, 19).

8 Ao velo, os xustos crerán,
e farán a burla del:
9 "Este é o valente
que non buscaba en Deus refuxio.
Confiaba nas súas riquezas,
facíase forte nos seus crimes".

10 Mais eu son oliveira verde
na casa do Señor.
Confío no amor de Deus
polos séculos, por sempre.
11 Loarei decote os teus feitos,
esperarei no teu nome,
porque ti es bo cos amigos.

## SALMO **53 (52)**

### Non hai quen faga o ben

1 *Do mestre do coro, segundo Mahalat. Maskil, de David.*

2 Pensan os parvos para si: "Non hai Deus".

Corrompidos, de conduta abominable:
non hai quen faga o ben.
3 Deus observa os homes desde o ceo,
para ver se hai algún asisado,
algún que pregunte por Deus.

4 Andan todos desviados,
por xunto corrompidos.
Non hai quen faga o ben,
non hai sequera un.

5 É que non aprenderán os malfeitores?
Engolen o meu pobo coma pan,
sen preguntaren por Deus.

6 Alá van tremendo de medo,
cando non había razón para temer.

Deus esparexe os ósos dos traidores;
e eles avergónzanse de ti
porque Deus os rexeita.

7 Quen lle traerá de Sión a salvación a Israel?
Cando vire o Señor a sorte do seu pobo,
exultará Xacob, alegrarase Israel.

**52**, 10 Imaxes da prosperidade (Sal **1**, 3; **37**, 35; **92**, 13). **53** *Non hai quen faga o ben*: É outra versión do Sal **14** con pequenas variantes.

## SALMO **54 (53)**

### A miña axuda

[1] *Do mestre do coro, con instrumentos de corda. Maskil, de David.*
[2] *Cando viñeron os de Zif dicirlle a Xaúl:*
*"David escóndese onda nós".*

[3] Sálvame, Deus, polo teu nome,
co teu poder defende a miña causa.
[4] Escoita, Deus, a miña súplica,
atende a miña palabra.

[5] Érguense contra min homes soberbios,
homes violentos buscan a miña vida,
sen teren a Deus en conta.

[6] Mais Deus é a miña axuda,
o Señor é quen sostén a miña vida.
[7] Recaia a desgraza sobre os meus perseguidores:
extermínaos, pola túa fidelidade.

[8] Eu ofrecereiche gustoso sacrificios,
loareite, Señor, porque es bo.
[9] Ti líbrame de todos os apertos
e móstrame os inimigos en desfeita.

## SALMO **55 (54)**

### Un refuxio da violencia

[1] *Do mestre do coro, con instrumentos de corda. Maskil, de David.*

[2] Escoita, Deus, a miña oración,
non te escondas da miña súplica.
[3] Aténdeme, respóndeme,
que me abalan as coitas.

[4] Contúrbame a ameaza do inimigo,
o barullo dos malvados.
Botan calamidades sobre min,
afróntanme con asaño.

[5] O corazón retórceseme dentro,
asáltanme medos de morte;
[6] éntranme terrores e tremores
e cóbreme o espanto.

[7] Penso: "Quen me dese ás de pomba
para voar e pousar!
[8] Fuxiría moi lonxe, faría pousada no deserto.
[9] Atoparía axiña agarimo do furacán e da treboada".

**54** *A miña axuda*: Invocación a Deus, imprecación contra os inimigos e voto de loanza.
**54**, 5 *Soberbios*, no lugar de estranxeiros (Sal **86**, 14).
**54**, 9 *Móstrame*, literalmente que eu vexa (Sal **35**, 21; **37**, 34; **118**, 7).

**55** *Un refuxio da violencia*: Invocación, queixa, acusación, seguridade, son movementos seguidos desta oración, que busca en Deus agarimo e espera a súa xustiza.
**55**, 8s Lembra a Xeremías (Xer **9**, 1).

10 Confunde, Señor, enlea as súas linguas,
pois vexo na cidade violencia e discordia:
11 día e noite xiran
ao redor das súas murallas.
Dentro dela están o crime e a intriga;
12 no seu seo, a calamidade;
das súas prazas non se afastan
a opresión e o engano.

13 Se fose meu inimigo o que me aldraxa,
eu sabería aturalo;
se fose meu adversario o que me oprime,
eu agacharíame del.
14 Mais es ti, un do meu igual,
meu amigo e compañeiro,
15 con quen tiven doce intimidade,
con quen fun de festa á casa de Deus.

16 Que a morte os sorprenda,
que caian vivos no abismo,
xa que dentro deles mora a maldade.

17 Eu invoco o meu Deus,
e o Señor hame salvar.
18 Á tarde, á mañá e ao mediodía,
quéixome suspirando
e el hame escoitar.
19 Sacarame con ben da loita,
aínda que sexan moitos contra min.

20 Deus escoitará e humillaraos,
El, que goberna desde sempre,
pois nin hai neles emenda
nin teñen temor de Deus.
21 Erguen a man contra os amigos
e violan os pactos.
22 Falan coa suavidade da manteiga,
pero pensan na guerra;
as súas palabras soan moles coma aceite,
pero son coitelos afiados.

23 Encomenda ao Señor a túa sorte,
que El te sosterá:
El non deixa nunca que o xusto abanee.
24 Ti, Deus, botaralos
no pozo da perdición.
Os criminais e os traidores
non mediarán os días da súa vida;
pero eu confío en ti, Señor.

**55**, 14s A traizón dos amigos e parentes doe máis (Sal **41**, 10; **31**, 12; **88**, 9).

# SALMO **56 (55)**

## Do meu peregrinar ti levas conta

[1] *Do mestre do coro, segundo Ionat élem rehoquim.*
*De David, miktam. Cando os filisteos o tiñan preso en Gat.*

[2] Apiádate, Deus, de min, que me asoballan,
que me atacan e me oprimen todo o día;
[3] asobállanme o día enteiro os inimigos,
son moitos os que me atacan.

[4] Cando o terror me colle,
eu confío en ti.

[5] En Deus, de quen celebro a promesa,
en Deus confío e non temo,
que poden facerme os homes?

[6] Aflíxenme o día enteiro,
os seus proxectos son todos para mal.
[7] Póñense ao axexo,
esculcan os meus pasos
en busca da miña vida.
[8] Escaparán á súa maldade?
Abate, Deus, os pobos con asaño.

[9] Do meu peregrinar ti levas conta:
recolle as miñas bágoas no teu odre.
Non están xa no teu libro?
[10] Os meus inimigos recuarán
o día en que eu te chame:
eu ben sei que Deus está por min.

[11] En Deus, de quen celebro a promesa,
no Señor, de quen celebro a palabra;
[12] en Deus confío e non temo,
que poden facerme os homes?

[13] Quero pagar, Deus, os votos que che fixen,
eu cumprirei a acción de grazas.

[14] Ti libras da morte a miña vida,
os meus pés dos tropezos,
e podo camiñar na túa presenza
á luz dos que están vivos.

**56** *Do meu peregrinar ti levas conta*: A seguridade de que Deus socorrerá, fai acabar a súplica en grazas.

**56**, 9 *O libro* da memoria de Deus (Xer **17**, 1; Mal **3**, 16; Dn **7**, 10).

## SALMO **57 (56)**

### Namentres pasa a aflición

1 *Do mestre do coro, segundo "Non destrúas". De David, miktam.*
*Na caverna, fuxindo de Xaúl.*

2 Apiádate, Deus, apiádate de min,
pois en ti busco agarimo;
busco agarimo á sombra das túas ás,
namentres pasa a aflición.
3 Eu invoco o Deus Altísimo,
o Deus que cumpre comigo.
4 Desde o ceo mandarame a salvación,
confundirá os que me oprimen,
mandará o seu amor e a súa verdade.
5 Teño que morar entre leóns,
que devoran aos homes.
Os seus dentes son lanzas e frechas,
as súas linguas coitelos afiados.

6 Érguete, Deus, sobre o ceo,
enche a terra da túa gloria.

7 Tenden redes ao meu paso
para abater a miña vida;
abren unha cova diante de min
e nela caerán eles mesmos.
8 O meu corazón, Deus, está firme,
o meu corazón está firme:
quero cantar e tocar salmos.
9 Espertade, miñas entrañas,
espertade, arpa e cítola:
quero espertar coa aurora.
10 Heite loar, Señor, diante dos pobos,
cantareiche entre as nacións.
11 O teu amor alcanza ata o ceo,
a túa fidelidade, ata as nubes.

12 Érguete, Deus, por riba do ceo,
enche a terra da túa gloria.

## SALMO **58 (57)**

### Requisitoria aos gobernantes

1 *Do mestre do coro, segundo "Non destrúas". De David, miktam.*

2 De verdade sentenciades con xustiza, gobernantes?
Xulgades con rectitude entre os homes?
3 Non. Co voso corazón tramades aleivosías
e as vosas mans esparexen violencia pola terra.

**57** *Namentres pasa a aflición*: Súplica e loanza, rematadas por un refrán.
**57**, 5 Os perigos baixo figura de animais (Sal **7**, 3; **10**, 9; **22**, 14. 22).
**57**, 7 Debería ir coa primeira parte.
**57**, 8-12 A loanza repítese no Sal **108**, 2-6.

**58** *Requisitoria aos gobernantes*: Denuncia dos gobernantes que sosteñen no mundo o dominio da inxustiza, e deprecación para que se faga camiño ao reino xusto.
**58**, 2 *Gobernantes*, literalmente deuses, os poderes do mal (Sal **82**, 1. 6).

4 Os malvados desvíanse desde o seo materno,
desde o seo materno erran os mentireiros.
5 Teñen un veleno que semella o da serpente,
son coma áspide xorda que tapa os oídos
6 para non oír a voz do feiticeiro,
do mago experto en esconxuros.

7 Rómpelles, Deus, na boca os dentes,
québralles, Señor, as moas de leóns.
8 Que se eslúan coma a auga que escorre,
que cando tiren setas, estean despuntadas.
9 Que pasen coma a lesma, que se some toda,
e coma aborto de muller, que nunca viu o sol.
10 Antes de que o espiño quente as vosas olas,
verde ou seco, que o leve o furacán.

11 Os xustos alegraranse á vista do escarmento
e no sangue dos malvados bañarán os seus pés.
12 Dirase entre as xentes:
"Hai recompensa para os xustos,
de verdade hai un Deus que goberna na terra".

## SALMO **59 (58)**

### Líbrame dos malfeitores

1 *Do mestre do coro. De David, miktam.*
*Cando Xaúl mandou cercar a casa para matalo.*

2 Líbrame, Deus, dos meus inimigos,
deféndeme dos que se erguen contra min;
3 líbrame dos malfeitores,
sálvame dos sanguinarios.

4 Olla como me axexan
e traman contra min os poderosos;
5 sen que haxa en min, Señor, pecado nin delito,
sen maldade en min, axítanse, baldoan.
Esperta, ven e ve.

6 Ti, Señor, Deus dos exércitos,
Deus de Israel,
esperta, castiga as xentes,
non te apiades dos traidores.

7 Veñen ao escurecer, ladrando coma cans,
roldando pola cidade.

8 Olla como presumen,
son coitelos os seus labios:
"Hai alguén que escoite?".

**58**, 5s O poder maligno das linguas maldicentes (Dt **32**, 33; Sal **140**, 4).
**58**, 10 Escuro no texto hebreo.

**59** *Líbrame dos malfeitores*: Súplica pola liberación dos oprimidos e o castigo dos opresores.
**59**, 7 Os perigos baixo a figura de cans soltos (Sal **22**, 17; Is **56**, 11).

9 Mais ti, Señor, búrlaste deles,
mófaste de todos os xentís.
10 Cara a ti, miña forza, estou atento,
pois Deus é o meu castelo.
11 O Deus que me ama adiántase
e móstrame os meus inimigos en desfeita.

12 Non lles darás ti morte,
para que o meu pobo non me esqueza?
Dispérsaos, abáteos co teu poder,
Señor, o noso escudo.

13 As palabras dos seus labios
son delito na súa boca.
Que se vexan atrapados na súa mesma soberbia,
nas mentiras e nas maldicións que eles botan.

14 Consúmeos con anoxo,
consúmeos, que non existan.
Saberase que Deus domina en Israel
e ata os confíns da terra.
15 Veñen ao escurecer,
ladrando coma cans,
roldando pola cidade.
16 Xiran buscando que comer,
ouvean ata fartarse.
17 Eu festexarei o teu poder,
cantarei de mañá o teu amor.
Ti es o meu refuxio,
o meu agarimo, na hora do aperto.
18 Cantareiche a ti, miña forza:
Deus é o meu agarimo,
o Deus do meu amor.

## SALMO **60 (59)**

### Pobo rexeitado, en desfeita

1 *Do mestre do coro, coa cítara de Xuxán, edut.*
*Miktam, de David, para ensino.*
2 *Cando loitou contra Aram Naharaim e contra os arameos de Zoba e bateu os edomitas no val do Sal: doce mil homes.*

3 Ti tesnos, Deus, rexeitados e fendidos,
estás irado connosco. Restablécenos.
4 Fixeches tremer a terra, fendíchela;
repara as súas fendas, porque cambalea.
5 Ti fixéchesllas pasar duras ao teu pobo,
déchesnos a beber viño atordante.

**59**, 11 *Móstrame*, literalmente que eu vexa (Sal **54**, 9).
**60** *Pobo rexeitado, en desfeita*: Queixas e súplica do pobo, aflixido por unha desfeita estragadora. A vella promesa de salvación sostén agora a esperanza.
**60**, 3 O sentimento de rexeitados é o lado máis escuro da desgraza (Sal **44**, 10. 24; **74**, 1; **89**, 39; Lam **2**, 7).
**60**, 5 *Viño atordante*, imaxe da proba ou do castigo (Sal **75**, 9; Ez **23**, 32ss).

6 Dálles un sinal aos que te temen
e que poidan fuxir da frecha;
7 para que poidan librarse os teus amigos,
respóndenos coa salvación da túa dereita.

8 O Deus santo tiña dito:
"Cantarei vitoria, partirei Xequem
e parcelarei o val de Sucot;
9 meu é Galaad, meu Menaxés,
helmo da miña cabeza Efraím
e Xudá o meu cetro;
10 Moab é o balde en que me baño,
sobre Edom poño as sandalias
e canto vitoria sobre Filistea".

11 Quen me levará a unha praza forte?
Quen me guiará ata Edom?
12 Quen, se non ti, Deus, que nos rexeitaches,
o Deus que non sae co noso exército?

13 Axúdanos ti no aperto,
pois a axuda do home é va.
14 Con Deus faremos fazañas,
el esmagará os nosos opresores.

## SALMO **61 (60)**

### Ao agarimo das túas ás

1 *Do mestre do coro, con instrumentos de corda. De David.*

2 Escoita, Deus, a miña súplica,
atende a miña oración.
3 Chámote desde o cabo da terra
co corazón desfalecido.

Lévame a unha rocha inaccesible:
4 ti es o meu refuxio,
a miña torre forte fronte ao inimigo.

5 Quixera vivir por sempre na túa tenda,
esconderme ao agarimo das túas ás.
6 Ti, Deus, acolles os meus votos
e dásme o herdo dos que respectan o teu nome.

7 Aos días do rei engádelle días,
que dure por longas xeracións;
8 que na presenza de Deus reine por sempre,
que o garden o seu amor e a súa fidelidade.

9 Eu cantarei sempre o teu nome,
cumprirei acotío os meus votos.

**61** *O agarimo das túas ás*: Arela do agarimo verdadeiro, coma o que Deus ten prometido ao seu rei.

**61**, 5 A hospitalidade acolledora de Deus (Sal **17**, 8; **36**, 8; **91**, 4).

# SALMO **62 (61)**

## Só en Deus acouga a miña alma

[1] *Do mestre do coro, segundo Iedutún. Salmo, de David.*

[2] Soamente en Deus acouga a miña alma,
del vén a miña salvación.
[3] El é a miña rocha, o meu acorro,
o meu castelo. Xamais eu non caerei.

[4] Por canto tempo atacaredes contra un,
para, entre todos, o abater,
coma muro en ruína,
coma parede esborrallada?

[5] Só pensan en tiralo do seu posto,
fólganse coa mentira:
coa súa boca bendín,
co seu corazón maldín.

[6] Soamente en Deus acouga, alma miña:
El é a miña esperanza.
[7] El é a miña rocha, o meu acorro,
o meu castelo. Xamais eu non caerei.

[8] Deus é a miña salvación e a miña gloria;
El é a miña rocha, o meu castelo.
[9] Pobo seu, confía sempre nel,
desafoga diante del o corazón.
Deus é o noso agarimo.

[10] Só un sopro son os homes,
unha aparencia os humanos.
Postos na balanza, soben
máis leves ca un sopro, todos xuntos.

[11] Non confiedes no froito da opresión,
non vos precedes do roubado.
Se crecedes en riqueza,
non poñades nela o corazón.

[12] Unha cousa dixo Deus,
estas dúas cousas oín:
que en Deus está o poder
[13] e en ti, Señor, o amor.

Abofé, ti pagarás a cada un
de acordo cos seus feitos.

**62** *Só en Deus acouga a miña alma*: O que atopou acougo en Deus non ten medo a ningún mal, e pode ensinar aos demais sabedoría.

**62**, 10 Símbolos da caducidade (Sal **39**, 6s; **78**, 39; **144**, 4).

## SALMO **63 (62)**

### Saudade infinita

[1] *Salmo, de David. Cando se encontraba no deserto de Xudá.*

[2] Deus, meu Deus, por ti madrugo,
de ti ten sede a miña alma;
por ti devece o meu corpo,
en terra reseca, sedento e sen auga.

[3] Miro cara a ti no santuario,
para ver o teu poder e a túa gloria.
[4] O teu amor é mellor ca a vida,
lóante os meus labios;
[5] toda a miña vida te bendigo
e levanto no teu nome as miñas mans.

[6] Como de graxa e manteiga, estou satisfeito,
con labios alegres lóate a miña boca.
[7] No leito relémbrote,
nas vixilias da noite penso en ti.
[8] Ti es o meu auxilio,
á sombra das túas ás estou contento;
[9] a ti está unida a miña alma,
a túa dereita é o meu apoio.

[10] Os que queren a miña ruína
baixarán ao profundo da terra;
[11] caerán ao fío da espada,
serán ración dos chacais.

[12] En Deus alégrase o rei,
glórianse os que xuran no seu nome,
mentres pechan a boca os mentireiros.

## SALMO **64 (63)**

### Palabras velenosas

[1] *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

[2] Escoita, Deus, a miña voz que se queixa;
gárdame dos inimigos que me aterran;
[3] escóndeme da conxura dos malvados,
do barullo dos malfeitores.

[4] Afían coma coitelos a súa lingua
e disparan coma frechas palabras velenosas;
[5] tiran desde o tobo ao inocente,
para o ferir por sorpresa, sen seren vistos.

**63** *Saudade infinita*: A saudade é un xeito coñecido de expresar a necesidade. O sentimento de ausencia de Deus fai devecer pola súa proximidade.
**63**, 2 Coma o Sal **42**.

**63**, 12 Xurar polo nome de alguén, poñelo por garante da palabra (Xén **42**, 15s; 1 Sam **17**, 55; 2 Sam **11**, 11).
**64** *Palabras velenosas*: Súplica, denuncia dos inimigos, xuízo e acción de grazas.
**64**, 4 A calumnia (Sal **52**, 4; **55**, 22; **140**, 4).

[6] Teiman nos seus proxectos maliciosos,
acordan poñer trapelas e din:
"Quen as descubrirá?".
[7] Inventan maldade e esconden o invento
nos recantos do corazón.

[8] Mais tira Deus as súas frechas
e féreos de improviso.
[9] As súas linguas vólvenselles ruína,
e cantos o ven búrlanse deles.

[10] Todas as xentes temen,
refiren a acción de Deus
e meditan nos seus feitos.
[11] Alégranse os xustos co Señor,
buscan nel agarimo,
exultan os de recto corazón.

## SALMO **65 (64)**

### Ti coidas da terra

[1] *Do mestre do coro. Salmo, de David, cántiga.*

[2] Deus, a ti débeseche loar en Sión,
a ti cúmprenseche os votos.
[3] A ti que escoitas a oración,
todos os homes se achegan.

[4] Os nosos pecados oprímennos,
pero ti perdoas as culpas.
[5] Feliz o que ti elixes e acolles
para morar nos teus adros.
Fartarémonos cos bens da túa casa
e coas ofrendas sagradas do teu templo.

[6] Ti fasnos xustiza con prodixios,
Deus, o noso salvador,
esperanza dos confíns da terra
e das praias remotas.
[7] Ti afincas os montes con forza,
cinguido do teu poder,
[8] ti amainas o rebumbio do mar,
o estrondo das ondas
e o tumulto dos pobos.
[9] Os que habitan nos extremos do mundo
tremen diante dos teus sinais.
Ti alegras as saídas
da mañá e da tarde.

**64**, 7 Verso escuro no orixinal.
**64**, 11 A salvación dunha persoa é un pouco a de todos (Sal **5**, 12; **32**, 11; **63**, 12).
**65** *Ti coidas da terra*: Acción de grazas a Deus que perdoa os pecados, defende dos moitos perigos e outorga os bens que a terra dá.
**65**, 2 Conforme o texto consonántico e as Versións.
**65**, 8 Forzas naturais con sentido mítico (Sal **46**, 4; **89**, 10s; **93**, 3s; **107**, 29).

10 Ti coidas e regas a terra,
enriquécela de mil maneiras:
os ríos de Deus van cheos de auga.
Para dar o trigo preparas a terra:
11 regas os sucos, achanzas os terróns,
fala amolecer coas chuvias
e bendicir as súas sementes.

12 Ti coroas a anada cos teus bens,
das túas pisadas zumega abundancia.
13 Destilan os pastos do deserto
e vístense de alborozo os outeiros.
14 Cóbrense de rabaños os campíos
e cóbrense de espigas os vales,
cheos de ecos e de cantos.

## SALMO **66 (65)**

### Aclama a Deus, terra enteira

1 *Do mestre do coro, cántiga, salmo.*

Aclama a Deus, terra enteira,
2 canta a gloria do seu nome;
réndelle o honor da loanza;
3 dille: "Que sorprendentes son as túas obras!".
Polo teu moito poder
adúlante os teus inimigos,
4 próstrase a terra toda ante ti
e canta salmos ao teu nome.

5 Vinde e vede as obras do Señor,
os seus sorprendentes feitos entre os homes.
6 El mudou o mar en terra seca
e pasaron o río a pé:
felicitémonos por iso.
7 Co seu poder domina o mundo,
cos seus ollos observa as xentes:
que non ensoberbezan os rebeldes.

8 Bendicide, nacións, o noso Deus,
facede resoar a súa loanza:
9 El salva as nosas vidas
e non deixa cambalear os nosos pés.

10 Mais ti, Deus, puxéchesnos a proba,
refináchesnos coma a prata no crisol,
11 fixéchesnos caer na trampa,
puxéchesnos ao lombo unha carga.
12 Deixaches pasar as xentes
por riba das nosas cabezas;
pasamos por lume e auga,
pero logo déchesnos respiro.

**65**, 10 *Ríos de Deus*, ríos grandes.
**66** *Aclama a Deus, terra enteira*: Grazas a Deus que libra o seu pobo das aflicións e tira a persoa dos apertos.
**66**, 6 O mar Vermello e mais o Xordán (Éx **14**, 16ss; Xos **3**, 9ss; Sal **114**, 3).
**66**, 12 *Respiro*, no canto de abundancia.

13 Eu irei á túa casa con ofrendas,
cumprireiche os votos
14 que pronunciaron os meus labios,
que prometeu a miña boca na aflición.
15 Ofrecereiche sacrificios de grosos animais,
fume recendente de carneiros,
inmolareiche bois e cabritos.

16 Vide os que temedes o Señor
e contareivos o que El fixo por min.
17 Chameino coa miña boca
e loeino coa miña lingua.

18 Se eu tivese maldade no corazón,
non me escoitaría o Señor.
19 Pero Deus escoitoume,
atendeu a miña súplica.

20 Bendito sexa Deus,
que non desbotou a miña súplica
nin afastou de min o seu amor.

## SALMO **67 (66)**

### **Lóente os pobos todos**

1 *Do mestre do coro, con instrumentos de corda. Salmo, cántiga.*

2 Deus se apiade de nós e nos bendiga,
móstrenos a luz da súa presenza.
3 Que se coñezan na terra os seus camiños
e en todos os pobos a súa salvación.

4 Lóente, Deus, os pobos,
lóente os pobos todos.

5 Alégrense e canten as nacións,
porque ti gobernas os pobos rectamente
e guías as nacións pola terra.

6 Lóente, Deus, os pobos,
lóente os pobos todos.

7 O agro dá os seus froitos,
bendinos o noso Deus.
8 Que Deus nos bendiga e que o teman
os confíns todos do mundo.

**67** *Lóente os pobos todos*: Súplica pola bendición de Deus para o seu pobo, para que os pobos vexan nel o Deus do mundo enteiro.

**67**, 2 *A luz da súa presenza*, sinal do favor (Sal **4**, 7; **31**, 17; **119**, 135).
**67**, 7 Os froitos da terra, mostra de bendición (Sal **85**, 13; Ez **34**, 27).

# SALMO **68 (67)**

## Desde o Sinaí ao santuario

[1] *Do mestre do coro. De David, salmo, cántiga.*

[2] Érguese Deus e dispérsanse os seus inimigos,
foxen da súa presenza os adversarios.
[3] Disípanse coma fume que esvaece,
coma cera que co lume se derrete.
Así perecen diante de Deus os malvados,
[4] pero os xustos alégranse, exultan na súa presenza,
reloucan de contento.

[5] Loade o Señor, cantade o seu nome,
abride camiño ao que cabalga polas gándaras.
Chámase Señor: exultade diante del.
[6] Os orfos teñen un pai, as viúvas un vingador:
Deus na súa morada santa.
[7] Deus dálles fogar aos solitarios,
libra os presos e enriquéceos,
mentres os rebeldes quedan en terra reseca.

[8] Cando saías, Deus, á fronte do teu pobo
e avanzabas polo deserto,
[9] a terra tremeu e os ceos destilaron,
diante do Deus do Sinaí,
diante do Deus de Israel.
[10] Vertiches, Deus, chuvia xenerosa,
fortaleciches a herdade extenuada.
[11] O teu rabaño apousentou no lugar
que ti, Deus, dispuxeras na túa bondade para os pobres.

[12] O Señor dá a palabra
e miles de mensaxeiros pregoan a boa nova.
[13] Foxen os xefes do exército, foxen;
e mentres vós descansades nos pasteiros,
as mulleres da casa reparten o botín:
[14] pombas de ás de prata,
plumas de ouro brillante.
[15] Mentres o Todopoderoso dispersa alí os reis,
cae a neve no Salmón.

[16] Montañas altas, montañas de Baxán,
montañas saíntes, montañas de Baxán,
[17] por que, montañas saíntes, ollades con envexa
o monte que Deus elixiu para a súa morada?
O Señor habitará por sempre nel!
[18] Os carros de Deus son miles de milleiros,
o Señor vén neles do Sinaí ao santuario.

**68** *Desde o Sinaí ao santuario*: A historia vén á lembranza como unha manifestación de Deus en marcha triunfal desde o Sinaí ao santuario e unha procesión arredor deste. A oración pide que Deus poña en acción o seu poder, para que o recoñezan todas as nacións. A linguaxe é arcaica, difícil e grandiosa.
**68**, 5 *Abride camiño*, tamén no Segundo Isaías (Is **40**, 3; **57**, 14). *Cabalga polas gándaras*, en triunfo (Xuí **5**, 4; Is **40**, 3); cabalga nas nubes é un título de Baal na literatura de Ugarit.
**68**, 8ss A historia como unha teofanía (Dt **33**, 2; Xuí **5**, 4s; Sal **18**, 8; Hab **3**, 35s).
**68**, 14 Texto hebreo escuro.
**68**, 15 Feito non coñecido.

19 Subiches á altura e levaches cativos,
colliches tributo en homes,
tamén homes rebeldes,
para a túa morada, Señor Deus.

20 Bendito sexa o Señor, cada día:
Deus, o noso salvador, coida de nós,
21 Deus é para nós un Deus que salva,
no Señor Deus temos escape da morte.
22 Deus esmágalles a cabeza aos inimigos,
o cranio aos que camiñan na maldade.
23 O Señor di: "Traereinos de Baxán,
traereinos do profundo do mar,
24 para que tingas os pés no sangue do inimigo,
e a lingua dos teus cans teña tamén a súa parte".

25 Vense, Deus, ás túas procesións,
as procesións do meu Deus, do meu rei, no santuario.
26 Diante van os cantores,
detrás os que tocan as arpas,
no medio as doncelas, tocando pandeiros.
27 Bendicide a Deus en coros,
ao Señor desde a orixe de Israel.
28 Alí dirixe Benxamín, o máis novo,
aos xefes de Xudá coas súas tropas,
aos xefes de Zebulón e de Naftalí.

29 Desprega, Deus, o teu poder,
o poder que despregas por nós,
30 e ao teu templo de Xerusalén
traeranche presentes os reis.
31 Ameaza á fera do canaval,
á tropa de touros e xovencos das nacións.
Que se sometan, pagándoche tributo,
dispersa os pobos guerreiros.
32 Que veñan os magnates de Exipto
e que Etiopía estenda cara a Deus as súas mans.

33 Loade a Deus, reinos da terra,
cantade salmos ao Señor,
34 o que cabalga polos ceos, polos ceos antigos,
o que lanza a súa voz, a súa voz potente.
35 Recoñecédelle a Deus o poder:
a súa maxestade brilla en Israel
e sobre as nubes o seu poder.
36 Desde o seu santuario Deus móstrase terrible:
o Deus de Israel
é quen lle dá forza e vigor ao seu pobo.
Bendito sexa Deus!

**68**, 18 Texto hebreo escuro.

**68**, 31 *A fera do canaval*, Exipto.

# SALMO **69 (68)**

## Pobre e enfermo

[1] *Do mestre do coro, con cítolas de Xuxán. De David.*

[2] Sálvame, Deus,
que me chegan as augas ao pescozo;
[3] que me estou afogando nunha lama profunda,
sen poder facer pé;
que me estou mergullando no abismo das augas,
envolto polas correntes.

[4] Estou esgotado de berrar,
a miña gorxa está rouca;
os meus ollos anúbranse
agardando o meu Deus.

[5] Son máis ca os meus cabelos
os que me aborrecen sen razón,
máis duros ca os meus ósos
os que inxustamente me perseguen;
debo devolver o que nunca roubei.

[6] Ti, Deus, coñeces a miña ignorancia,
os meus delitos non se che esconden.
[7] Que en min non se defrauden os que esperan en ti,
Señor, Señor dos exércitos;
non se avergoncen por min os que te buscan,
Deus de Israel.

[8] Por ti aturo eu afrontas
e cóbreme a cara a vergonza.
[9] Volvinme estraño para meus irmáns,
alleo aos fillos da miña nai.
[10] Consómeme o celo da túa casa
e as aldraxes dos que te aldraxan
caen enriba de min.
[11] Se me aflixo co xaxún,
fan escarnio de min;
[12] se me visto de saco,
vólvome o conto de todos:
[13] sentados á porta murmuran contra min
e sácanme coplas, mentres beben.

[14] Mais eu, Señor, suplico cara a ti,
na hora, meu Deus, do teu favor.
Pola túa moita bondade
respóndeme, pois ti es o socorro verdadeiro.
[15] Sácame da lama e que non afogue,
líbrame dos que me aborrecen
e das augas sen fondo.

**69** *Pobre e enfermo*: Coma un berro desde o abismo é esta deprecación do que se sente asoballado polos homes e esquecido de Deus. Na súa busca atopa un consolo. A figura do orante aseméllase á do Sal **22** e mais ao Servo de Iavé (Is **52**, 13-**53**, 12).
**69**, 5 *Máis duros*, coas Versións.
**69**, 10 O celo sagrado (Xer **20**, 9; Sal **119**, 139).

16 Non me envolvan as correntes,
non me engula o remuíño
e non peche o pozo a boca sobre min.

17 Respóndeme, Señor, conforme ao teu amor,
pola túa misericordia, vólvete a min.
18 Non escondas a túa cara ao teu servo;
estou no aperto: respóndeme axiña;
19 achégate a min, rescátame,
líbrame dos meus inimigos.

20 Ti coñeces a miña afronta,
a miña aldraxe, o meu oprobio;
á túa vista están os que me asoballan.
21 A afronta québrame o corazón e desfalezo,
agardo compaixón e non a hai,
quen me console, e non o atopo.
22 Na comida bótanme fel
e para a sede danme vinagre.

23 Que se lles converta en lazo a súa mesa
e os seus banquetes nunha trampa;
24 que se lles nubren os ollos e non vexan
e que lles treman os lombos.
25 Verte a túa ira sobre eles,
e que o teu anoxo os atrape.

26 Que os seus campamentos sexan arrasados
e que non haxa habitantes nas súas tendas.
27 Xa que perseguen a quen ti feriches
e contan as chagas da túa vítima,
28 engádelles culpas sobre culpas
e non teñan acceso á túa xustificación.
29 Sexan borrados do libro dos vivos
e non sexan inscritos entre os xustos.

30 Mais a min, pobre e doente,
érgueme, Deus, co teu socorro.
31 Loarei a Deus con cantos,
gabareino con acción de grazas.
32 Praceralle ao Señor máis ca un touro,
ca un xovenco de cornos e de unllas.

33 Olládeo, humildes, e alegrádevos,
avivecede o corazón os que buscades ao Señor,
34 pois o Señor escoita os humildes,
non despreza os seus na cadea.

35 Lóente o ceo e mais a terra.
36 Abofé, salvará Deus a Sión:
recomporá as vilas de Xudá,
haberá quen as herde e as habite.
37 Herdaranas os fillos dos seus servos,
habitaranas os que aman o seu nome.

**69**, 22 Fel e vinagre (Xer **8**, 14; **23**, 15; Mt **27**, 34.48). **69**, 23 *Banquetes* sagrados, lectura aproximada (Rm **11**, 9s).

## SALMO **70 (69)**

### Ven axiña

[1] *Do mestre do coro. De David, en lembranza.*

[2] Corre, Deus, para librarme,
dáte présa, Señor, en socorrerme.

[3] Que se vexan confusos, cubertos de vergonza,
os que buscan a miña morte;
recúen avergonzados
os que queren o meu mal;
[4] volvan atrás deshonrados
os que se alegran da miña ruína.

[5] Relouquen e alégrense contigo
todos os que te buscan.
Poidan sempre dicir: "Deus é grande",
os que aman a túa salvación.

[6] Eu son pobre e humilde:
ven axiña, Deus, a min.
Ti es a miña axuda, o meu refuxio:
non me tardes, Señor.

## SALMO **71 (70)**

### Darasme vida de novo

[1] En ti, Señor, acóllome,
que endexamais non me vexa confundido.
[2] Pola túa xustiza, líbrame, deféndeme,
inclina o teu oído e sálvame.
[3] Sé ti a rocha do meu refuxio
sempre disposta para salvarme:
Ti que es a miña forte cidadela.

[4] Rescátame, meu Deus, do poder dos malvados,
do puño do criminal e do opresor.
[5] Ti es, Señor, a miña esperanza,
a miña confianza, Señor, desde a mocidade.
[6] Desde o nacemento apóiome en ti,
desde o seo materno ti es o meu amparo,
a ti vai sempre o meu loor.

[7] Para moitos convertinme en escarmento,
mais ti es para min forte refuxio.
[8] Da túa loanza está chea a miña boca
e da túa glorificación, o día enteiro.

**70** *Ven axiña*: Deprecación de pronta axuda, coa conseguinte vergonza para os inimigos, mentres soa a loanza na boca dos amigos. Este salmo reaparece tamén no Sal **40**, 14-18.
**71** *Darasme vida de novo*: Deprecación e canto de loanza. Quen desde a mocidade buscou en Deus seguridade, atopa na vellez a súa vida ben gardada.
**71**, 1-3 Coma o Sal **31**, 2-4.
**71**, 7 *Escarmento*, mostra de pecador castigado (Dt **28**, 46; Sal **31**, 12).

9 Non me rexeites na vellez,
non me abandones cando me faltan as forzas,
10 pois dirían de min os inimigos,
murmurarían os que me axexan:
11 "Deus teno abandonado:
perseguídeo, agarrádeo,
pois non hai quen o salve".

12 Non te afastes, Deus, de min,
date présa en axudarme.
13 Que se vexan confusos e abatidos
os que contra min atentan;
que se cubran de vergonza e confusión
os que buscan o meu mal.

14 Eu sigo sempre esperando,
engadindo loanza á túa loanza.
15 A miña boca pregoa a túa xustiza,
a túa salvación, o día enteiro.
Aínda sen as poder contar,
16 falarei das fazañas do Señor:
de ti, só de ti, cantarei a xustiza.

17 Desde a mocidade ensínasme ti, Deus,
e aínda hoxe eu canto os teus prodixios.
18 Agora na vellez e xa con canas
non me abandones, meu Deus,
para lle contar do teu brazo á xeración presente,
e do teu poder a todas as vindeiras.

19 A túa xustiza, Deus, chega ás alturas,
ti fixeches cousas grandes:
quen coma ti, meu Deus?
20 Ti fixéchesme probar apertos e aflicións,
pero de novo me darás a vida
e volverasme erguer dos abismos da terra.
21 Acrecentarás a miña dignidade
e outra vez has consolarme.

22 Eu dareiche as grazas coa arpa,
meu Deus, pola túa fidelidade;
tocarei para ti a cítola,
Santo de Israel.
23 Aclamarante con cantos os meus labios
e esta vida que ti rescataches.
24 A miña lingua cantará decote a túa xustiza,
mentres fican avergonzados e confusos
os que buscan o meu mal.

**71**, 20 *Abismos*, reino da morte, veciñanza do xeol (Sal **9**, 14; **30**, 4; **40**, 3).

# SALMO **72 (71)**

## Os bens da era mesiánica

[1] *De Salomón.*

Outórgalle, Deus, o teu xuízo ao rei;
ao fillo de reis, a túa xustiza.
[2] Que rexa o teu pobo rectamente
e os teus pobres con equidade.

[3] Os montes ofreceranlle prosperidade ao pobo,
aos outeiros, xustiza.
[4] El dará o dereito aos humildes,
socorrerá os indixentes,
esmagará os opresores.
[5] Durará canto dure o sol,
tanto coma a lúa, polas xeracións.
[6] Será coma chuvia no prado,
coma trebón que rega os terreos.
[7] Florecerá a xustiza nos seus días,
unha prosperidade duradeira coma a lúa.

[8] Dominará de mar a mar,
desde o gran río ata o cabo da terra.
[9] Diante del caerán os inimigos,
lamberán o po os adversarios.
[10] Traeranlle dons os reis de Tárxix e das illas,
os reis de Sabá e de Sebá pagaranlle tributo.
[11] Prostraranse ante el todos os reis da terra,
servirano todas as nacións.

[12] El librará o pobre que suplica,
o aflixido que está sen axuda.
[13] Terá piedade dos febles e indixentes,
salvará a vida dos pobres;
[14] rescataraos da inxuria e da opresión,
pois a súa vida e o seu sangue
son preciosos aos seus ollos.

[15] Vivirá e traeranlle ouro de Saba,
pedirán sempre por el,
todo o día o bendicirán.
[16] Abundará o trigo nos campos,
nos montes ondularán coma no Líbano os froitos,
florecerán as vilas coma a herba dos agros.
[17] Que o seu nome dure por sempre
e a súa sona igual ca o sol.
Que se bendigan nel todos os pobos
e que o proclamen ditoso.

**72** *Os bens da era mesiánica*: Súplica do pobo polo advento do rei-mesías, que traerá dunha vez e para sempre os bens esperados e nunca conseguidos: xustiza, paz, prosperidade, liberdade.

**72**, 3 A *xustiza*, un dos primeiros bens mesiánicos (Is **11**, 3ss; **16**, 5).

**72**, 10 Recoñecemento do reinado mesiánico polos pobos todos do mundo.

18 Bendito sexa o Señor, Deus de Israel,
o único que fai marabillas.
19 Bendito sexa por sempre o seu nome glorioso
e que a terra se encha da súa gloria.
Amén. Amén.

## SALMO **73 (72)**

### A sorte dos malvados

1 *Salmo, de Asaf.*

Que bo é Deus cos rectos
e cos limpos de corazón!
2 Mais eu por pouco non esvaro,
por nada os pés non se me van,
3 por envexa dos fatos,
á vista da prosperidade dos malvados.

4 Eles non sofren contratempos,
forte e san teñen o seu corpo;
5 non teñen parte nas miserias dos humanos
nin padecen cos demais.
6 Por iso a soberbia é o colar que os adorna;
a violencia, a capa que os cobre.

7 O seu corpo graxento deita maldade,
pola súa mente anda a presunción.
8 Falan con retranca e con malicia,
ameazan desde o alto coa opresión.
9 Poñen no ceo a súa boca,
a súa lingua percorre a terra.

10 Por iso o pobo vaise con eles
e bebe os seus ditos.
11 Eles din: "Que sabe Deus?
Ten coñecemento o Altísimo?".
12 Así son os malvados,
sempre en paz, crecendo en poder.

13 Entón, para nada gardo eu limpo o corazón
e manteño puras as mans.
14 O día enteiro sufro golpes,
escarmentos cada mañá.
15 Pero se dixese: "Vou falar igual ca eles",
sería traidor á liñaxe dos teus fillos.

**72**, 18s Doxoloxía e colofón que rematan o segundo libro dos salmos.
Hai outro colofón (sería o v. 20): "Fin das oracións de David, fillo de Ixaí".
**73** *A sorte dos malvados*: Poema didáctico sobre a escuridade da retribución. Á vista do paradoiro dos malvados, que parecían sempre triunfar, descóbrese o engano da súa prosperidade mentireira. Semellante no tema aos Sal **37** e **49**.
**73**, 10 Texto hebreo escuro.
**73**, 13 Paga a pena manterse xusto? (Xob **21**, 15; Mal **3**, 14).

16 Meditei para ver se o entendía,
mais parecíame moi penoso,
17 ata que entrei no santuario dos deuses
e me decatei de cal sería a súa fin.
18 Ti pólos, en verdade, no esvaradoiro,
precipítalos na ruína.
19 Como son destruídos nun instante:
sucumben e perecen de espanto!
20 Coma un soño, ao espertar, Señor,
así, cando te ergues, desprezas ti as súas figuras.

21 Se o meu corazón estaba aflixido
e tiña un cravo nas entrañas,
22 é que era parvo e sen entendemento,
coma unha besta diante de ti.
23 Mais eu estou sempre contigo
e ti cóllesme da dereita.
24 Condúcesme co teu consello
e acóllesme con honor.

25 A quen outro teño eu no ceo?
Contigo xa nada cobizo na terra.
26 O meu corpo e o meu corazón consumiranse,
pero Deus é para sempre a miña rocha e a miña sorte.
27 Os que se arredan de ti vense perdidos:
ti consomes os que de ti renegan.
28 O meu ben é estar cerca de Deus:
eu busco en ti, Señor, o meu refuxio
e canto as túas obras.

## SALMO **74 (73)**

### Ruínas que fan chorar

1 *Maskil, de Asaf.*

Por que, Deus, nos rexeitas? Será por sempre?
Por que se inflama a túa ira coas ovellas do teu rabaño?
2 Acórdate da comunidade que desde antigo adquiriches,
do pobo que rescataches para a túa posesión,
do monte Sión, onde fixeches a túa morada.

3 Dirixe os teus pasos cara ás eternas ruínas:
no teu santuario todo o arrasou o inimigo.
4 Os teus adversarios roxen no lugar das asembleas
e levantan alí os estandartes.
5 Son coma os que branden o machado na madeira:
6 nun intre esnaquizan todas as súas portas,
con machado e martelo.
7 Puxeron lume ao teu santuario,
arrasaron e profanaron a morada do teu nome.

**73**, 17 *Santuario dos deuses*, as seguridades en que se asentan os malvados. *A súa fin*, o seu paradoiro, a súa sorte (Is **47**, 7; Xer **12**, 4).
**74** *Ruínas que fan chorar*: Lamento do pobo pola cidade destruída e o santuario profanado. Máis ca iso doe aínda a sospeita de que Deus abandone, non se ocupe xa do seu pobo. Só o recordo dos seus feitos abre as portas á esperanza.
**74**, 1 Rexeitar, coma no Sal **44**, 24; **60**, 3; **77**, 8.
**74**, 5 Verso escuro; parece referirse á destrución que remata co desterro.

[8] Din entre si: "Acabemos con eles",
e queiman todos os santuarios do país.

[9] Nós non vemos sinais nin existe un profeta
e ninguén de entre nós sabe por canto tempo aínda.
[10] Ata que día, Deus, nos asoballará o opresor?
Aldraxarán por sempre os inimigos o teu nome?
[11] Por que arredas a túa man
e retés a túa dereita no seo?

[12] Pero ti, Deus, es desde sempre o meu rei,
o que obras liberacións en toda a terra.
[13] Ti fendes o mar co teu poder
e nas augas, a cabeza dos dragóns.
[14] Ti esmágaslle a cabeza ao Leviatán
e bótasllelo aos monstros mariños de comida.

[15] Ti abres fontes e regachos
e secas ríos caudais.
[16] Teu é o día e túa a noite,
ti estableciches a lúa e mais o sol.
[17] Ti marcácheslle ao mundo as súas fronteiras,
fixeches o verán e o inverno.

[18] Recorda, Señor, que os inimigos te aldraxan,
que xente insensata maldí o teu nome.
[19] Non lles entregues aos voitres a vida da túa pomba,
non te esquezas por sempre da vida dos teus pobres.
[20] Fíxate na túa alianza;
todos os recantos da terra son tobos de violencia.

[21] Que non acaben na vergonza os oprimidos:
os humildes e os pobres loarán o teu nome.
[22] Érguete, Deus, defende a túa causa,
recorda as continuas aldraxes dos necios;
[23] non esquezas as voces dos inimigos,
o tumulto crecente dos que se rebelan contra ti.

## SALMO **75 (74)**

### Deus é quen goberna

[1] *Do mestre do coro, segundo "Non destrúas". Salmo, de Asaf, cántiga.*

[2] Dámosche as grazas, Deus, dámosche as grazas,
invocamos o teu nome
e contamos as túas marabillas.

[3] Cando eu determine a hora,
xulgarei con rectitude.
[4] Se treme a terra e quen a habita,
eu sosteño as súas columnas.

**74**, 10 Preguntas da oración aflixida (Sal **13**, 2ss; **80**, 5; **90**, 13; **89**, 47).
**74**, 14 *Leviatán*, monstro do mar (ás veces Exipto) (Xob **3**, 8; Sal **27**, 1).

**75** *Deus é quen goberna*: Grazas a Deus que se mostra rexendo o mundo con xustiza: el é quen abaixa aos soberbios e quen ergue ás alturas aos humildes.
**75**, 3 *A hora*, o tempo establecido (Éx **9**, 5; Sal **102**, 14; Dn **8**, 19).

5 Eu aviso aos soberbios: "Non fanfurriñedes",
e aos malvados: "Non ergades a testa;
6 non ergades a testa ás alturas,
non faledes con gorxa insolente".

7 Non vén do nacente nin do poñente,
nin do deserto, o que ergue;
8 Deus é quen goberna:
el abate a un e exalta a outro.

9 Na man do Señor hai unha cunca
chea de viño velenoso.
Dela dá a beber ata as borras,
beberán dela todos os malvados.

10 Eu proclamarei por sempre,
cantarei o Deus de Israel.
11 El romperá a testa dos malvados,
mentres se ergue a cabeza dos xustos.

## SALMO **76 (75)**

### Para salvar os oprimidos

1 *Do mestre do coro, con instrumentos de corda. Salmo, de Asaf, cántiga.*

2 Deus é coñecido en Xudá,
en Israel é grande o seu nome.
3 Ten a súa tenda en Xalem
e a súa morada en Sión.
4 Alí rompe o arco flamexante,
o escudo, a espada e as guerras.

5 Ti es resplandecente, poderoso,
dono de montañas de botín.
6 Os valentes son espoliados mentres dormen;
aos guerreiros non lles responden as súas mans.
7 Ante a túa ameaza, Deus de Israel,
paralízanse carros e cabalos.

8 Ti, Señor, es temible,
quen resistiría ante ti,
ante a forza da túa ira?
9 Desde o ceo pronuncias sentenza,
treme a terra e cala.

10 Cando te ergues, Deus, para xulgar,
para salvar os oprimidos da terra,
11 a carraxe humana proclama a túa gloria
e os salvados da túa ira serán a túa coroa.

**75**, 5s Erguer a testa ou o corno, triunfar. Deus é quen fai triunfar aos seus amigos (1 Sam **2**, 1. 6; 2 Sam **22**, 10; Sal **89**, 18. 25; **148**, 4).
**75**, 9 A *cunca* do castigo de Deus (Xer **25**, 15s; Hab **2**, 16; Sal **60**, 5; Lam **4**, 21).
**76** *Para salvar os oprimidos*: Canto ao Deus que se mostra na historia dun pobo como dono da enteira historia humana.
**76**, 4 Acabar coas guerras, paz mesiánica (Sal **46**, 10; Is **2**, 4; Ez **39**, 9; Zac **9**, 10).
**76**, 11 Texto hebreo escuro.

12 Facede votos ao Señor voso Deus, e cumprídeos
e que os pobos do arredor traian tributo ao terrible,
13 o que lles corta aos príncipes o folgo,
que é terrible para os reis da terra.

## SALMO **77 (76)**

### O meu espírito esculca

1 *Do mestre do coro, segundo Iedutún. De Asaf, Salmo.*

2 Ergo cara a Deus a miña voz e clamo;
ergo cara a Deus a miña voz e El escóitame.
3 Busco o Señor na hora do aperto,
a miña man téndese na noite sen repouso
e a miña alma refuga o consolo.
4 Relembrando a Deus eu son un xemido:
meditando, encólleseme o alento.

5 Ti amárrasme as pálpebras dos ollos,
estou conturbado e sen fala.
6 Penso nos días pasados,
nas idades remotas;
7 relembro a música nas noites,
penso para min e esculca o meu espírito.

8 Será que o Señor rexeita para sempre
e non mostrará máis a súa bondade?
9 Acabaríase para sempre o seu amor
e calaría polas xeracións a súa palabra?
10 Esquecería Deus a compaixón
e cerraría, irado, as súas entrañas?
11 Digo para min: "A miña dor é esta:
que se mudou a conduta do Altísimo".

12 Eu recordo os feitos do Señor,
lémbrome dos prodixios doutros tempos;
13 medito nas súas obras,
cavilo nas súas fazañas.
14 Os teus camiños, Deus, son santos,
quen dos deuses é grande coma Deus?
15 Ti es o Deus que fai prodixios
e mostras poder ante os pobos.
16 Rescataches co teu brazo o teu pobo,
os fillos de Xacob e de Xosé.

17 Ao vérente, Deus, as augas,
ao vérente, as augas tremeron
e os abismos estremeceron;
18 as nubes desfixéronse en auga,
os nubeiros deron voces,

**76**, 13 *Os reis da terra*, en textos de universalismo escatolóxico (Sal **2**, 2; **89**, 28; **102**, 16; **138**, 4).
**77** *O meu espírito esculca*: Deprecación para que Deus se mostre veciño e protector, coma nos tempos pasados. Meditar nos seus feitos é acalar preguntas que atormentan.
**77**, 8 Linguaxe do lamento (Sal **44**, 24; **74**, 1; **79**, 5; **85**, 6).
**77**, 10 como Hab **3**, 2.
**77**, 17 A natureza anímase diante do Deus que pasa (Sal **18**, 14s; **114**, 3ss).
**77**, 18ss Imaxe coa teofanía sinaítica ao fondo (Éx **19**, 16-18; Hab **3**, 11).

voaron as túas frechas;
19 o trono foi retumbando,
os lóstregos alumaron os espazos,
a terra estremeceuse e tremelou.

20 Abriches camiño nas augas,
un carreiro nas augas caudais,
sen deixares rastro dos teus pasos.
21 Guiaches coma un rabaño o teu pobo,
da man de Moisés e de Aharón.

## SALMO **78 (77)**

### As leccións da historia

1 *Maskil, de Asaf.*

Escoita, meu pobo, a miña instrución,
atende as miñas palabras.
2 Vouche falar en parábolas,
exporche vellas adiviñas.

3 O que oímos e sabemos,
o que os pais nos contaron,
4 non llelo podemos calar a seus fillos,
témolo que contar ás xeracións vindeiras:
as glorias do Señor, o seu poder,
e os milagres que fixo.

5 El fixou unha norma en Xacob,
deulle unha lei a Israel
e mandou a nosos pais
que llela ensinasen a seus fillos,
6 para que a xeración vindeira a coñeza
e os fillos que nazan llela conten aos seus fillos.

7 Estes porán en Deus a súa esperanza,
non se esquecerán das súas obras,
gardarán os seus mandatos.
8 Así non serán coma seus pais,
xente rebelde e teimuda,
raza de ánimo inquedo,
de espírito infiel a Deus.

9 Os fillos de Efraím, bos arqueiros,
volveron as costas á hora do combate;
10 non gardaron o pacto de Deus,
refugaron a súa lei;
11 esqueceron as súas obras,
os prodixios que El lles mostrara.

**78** *As leccións da historia*: Coa historia enteira á vista, este poema didáctico encara co amor de Deus a infidelidade do pobo. Deixou caer o reino do Norte, mais elixiu o pequeno reino de Xudá. A historia desde outras perspectivas nos Sal **105**, **106**, **107**, **136**.

**78**, 3ss A memoria e os costumes do pasado gárdanse e transmítense como fundamento da identidade (Ex **13**, 14; Dt **32**, 7; Sal **22**, 31s; **44**, 2; **102**, 19).

12 Diante de seus pais fixera marabillas,
na terra de Exipto, nos campos de Soán.
13 Fendeu o mar para lles dar paso,
as augas fixeron diques.
14 Coa nube guiábaos polo día
e con faro de lume pola noite.
15 Fendeu rochas no deserto
e deulles de beber con abundancia;
16 da rocha sacou caudais,
auga corrente coma ríos.

17 Eles seguiron pecando,
ofendendo no deserto ao Altísimo.
18 Tentaron a Deus no corazón,
pedíronlle comida por cobiza.
19 Falaban así contra Deus:
"Poderá Deus pór unha mesa no deserto?
20 Se bateu a rocha e deitou auga,
e reverteron os regachos,
poderá tamén darnos pan
e prover ao pobo de carne?".
21 Sentiuno o Señor e indignouse,
acendeuse a súa ira contra Xacob,
ferveu o seu anoxo contra Israel,
22 por non teren confianza en Deus
nin esperanza no seu socorro.

23 Ordenou logo ás nubes desde arriba,
abriu as portas do ceo,
24 e fixo chover maná para comeren:
deulles trigo do ceo.
25 Comeu o home pan dos fortes,
deulles sustento a fartar.
26 Fixo soprar no ceo o vento do leste,
dirixiu con poder o vento do sur,
27 e choveu, coma po, carne sobre eles
e, coma area do mar, aves aladas.
28 Botóullelos no mesmo campamento,
arredor das súas tendas.
29 Comeron ata se fartaren,
cumpriulles os seus degoros.
30 Pero non desistiron no antollo,
cando tiñan aínda na boca a comida.
31 A ira de Deus acendeuse contra eles,
deu morte aos máis fortes,
e dobregou a flor de Israel.

32 Con todo isto aínda pecaron,
non creron nos seus prodixios.
33 El reduciu a súa vida a un sopro,
os seus anos a un suspiro.
34 Cando os castigaba, eles buscábano,
volvíanse e corrían cara a Deus,
35 lembrando que Deus era a súa rocha,
o Deus Altísimo o seu redentor.

36 Coa boca tratábano de enganar;
coa lingua, de lle mentir.
37 Mais o seu corazón non era firme,
non eran fieis á súa alianza.
38 Por piedade perdoaba El as súas culpas
e non os destruía.
Moitas veces contivo a súa ira,
non deixou acender o seu anoxo,
39 facendo conta de que eran carne,
sopro que se vai e que non volve.

40 Cantas veces se rebelaron no deserto
e incomodaron a Deus na soidade!
41 Tentaron a Deus moitas veces,
incomodaron ao Santo de Israel.
42 Non facían conta da man
que un día os redimira da opresión,
43 cando fixo sinais en Exipto,
escarmentos nos campos de Soán.

44 Converteu en sangue os seus ríos
e non podían beber as súas augas.
45 Mandoulles moscas que os picaban
e ras que os infestaban.
46 Entregoulles aos saltóns as súas colleitas;
o froito do seu traballo, á lagosta.
47 Bateu coa sarabia as súas viñas
e coa xeada as súas figueiras.
48 Entregou os seus gandos ao pedrazo;
aos raios, as súas facendas.

49 Descargou sobre eles a súa ira,
o anoxo, o furor, a indignación,
mensaxeiros de desgrazas arreo.
50 Deu renda solta á súa carraxe,
non escondeu da morte as súas vidas,
mais entregounos á peste.
51 Feriu os primoxénitos de Exipto,
as primicias do vigor nas tendas de Cam.

52 Sacou coma rabaño o seu pobo,
guiouno coma un fato polo deserto.
53 Conduciuno seguro, sen temor,
mentres o mar cubría os inimigos.
54 Levounos á súa terra santa,
ao monte que adquirira coa súa dereita.
55 Botou de diante deles aos pobos,
deulles en sorte o seu herdo,
apousentou nas súas tendas ás tribos de Israel.

56 Eles tentaron, provocaron ao Deus Altísimo,
non gardaron os seus preceptos.
57 Coma seus pais, desertaron, traizoaron,
volvéronse, coma arco enganoso.

**78**, 44ss Versión lírica das pragas de Exipto (Éx **7**, 11).

58 Cos seus santuarios nos altos provocárono,
cos ídolos acenderon os seus celos.
59 Sentiuno Deus e indignouse,
mesmo refugou a Israel.
60 Abandonou o templo de Xiloh,
tenda da súa morada entre os homes.
61 Deixou na catividade os seus valentes,
o seu orgullo en poder do opresor.
62 Entregou o seu pobo á espada,
incomodouse contra o seu herdo.
63 O lume engulipou os seus mozos
e non houbo cantares para as mozas.
64 Os seus sacerdotes caeron pola espada
e as súas viúvas non choraron.

65 Espertou o Señor coma dun sono,
coma guerreiro arrolado polo viño,
66 e bateu nos seus inimigos polas costas,
deixounos para eterna vergonza.
67 Desbotou as tendas de Xosé,
non elixiu a tribo de Efraím,
68 elixiu a tribo de Xudá,
e o monte Sión que El amaba.
69 Construíu o seu santuario nun outeiro
fundamentouno para sempre, coma a terra.
70 Elixiu ao seu servo David,
colleuno dos curros do rabaño.
71 De detrás das ovellas levouno
para alindar o seu pobo Xacob,
o seu herdo Israel.
72 Alindouno con recto corazón,
dirixiuno con man intelixente.

## SALMO **79 (78)**

### Vinganza do sangue vertido

1 *Salmo, de Asaf.*

As xentes entraron, Deus, na túa herdade,
profanaron o teu santo templo,
reduciron Xerusalén a unha ruína.
2 Botaron os cadáveres dos teus servos
por pasto ás aves do ceo;
a carne dos teus amigos,
aos animais do monte.
3 Verteron sangue coma auga
arredor de Xerusalén,
sen haber quen enterrase.
4 Convertémonos en escarnio dos veciños,
en burla e riso dos que nos rodean.

**79** *Vinganza do sangue vertido*: Lamento por unha calamidade que aflixe ao pobo enteiro. A caída de Xudá no 586 a. C. serviu de paradigma de moitas horas de dor.

**79**, 2 *Os cadáveres* sen enterrar falan dos estragos do mal (Xer **7**, 33; **16**, 4; **34**, 20; citado en 1 Mac **7**, 17).

5 Por canto aínda, Señor?
Será para sempre o teu enfado?
Arderá coma o lume o teu anoxo?
6 Descarga a túa ira
sobre as xentes que non te recoñecen,
sobre os reinos que non invocan o teu nome,
7 pois devoran a Israel,
alagan as súas moradas.

8 Non nos teñas en conta os pecados dos pais;
chegue axiña a túa piedade,
que estamos esgotados.

9 Axúdanos, Deus, Salvador noso,
pola gloria do teu nome;
líbranos, perdoa as nosas culpas,
por mor do teu nome.
10 Por que han dicir as xentes:
"Onde está o seu Deus?".

Que vexamos cos nosos ollos entre as xentes
a vinganza do sangue vertido dos teus servos.
11 Que chegue ata a ti o pranto dos cativos
e que o teu brazo poderoso salve os condenados a morte.
12 Págalles sete veces aos veciños
o oprobio, Señor, con que te aldraxan.
13 Nós, o teu pobo, ovellas do teu rabaño,
cantaremos polas xeracións as túas loanzas.

## SALMO **80 (79)**

### Móstrate e seremos salvos

1 *Do mestre do coro, con cítaras de Xuxán. Edut, de Asaf, salmo.*

2 Escoita, pastor de Israel,
que guías o rabaño de Xosé;
ti que sentas sobre os querubíns,
3 móstrate ante Efraím, Benxamín e Menaxés,
esperta o teu poder e ven salvarnos.

4 Restáuranos, Deus:
móstrate e seremos salvos.

5 Señor, Deus dos exércitos,
por canto tempo aínda estarás irritado
contra os rogos do teu pobo?
6 Déchesllе a comer un pan de pranto
e a beber bágoas a grolos.
7 Puxéchesnos de rifa entre veciños
e búrlanse de nós os nosos inimigos.

**79**, 13 A coñecida imaxe do rabaño (Sal **78**, 52; **95**, 7; **100**, 3).
**80** *Móstrate, e seremos salvos*: Deprecación comunitaria pola restauración, despois dunha desfeita. O recordo do pasado permite esperar que Deus seguirá guiando ao pobo coma o seu rabaño, coidando del coma da súa viña.
**80**, 2 A imaxe do pastor (Sal **23**, 1; **79**, 13; Is **40**, 11). *Os querubíns* sobre a Arca eran o trono de Deus (1 Sam **4**, 4; 2 Sam **6**, 2; Sal **18**, 11; **99**, 1).

[8] Restáuranos, Deus dos exércitos;
móstrate, e seremos salvos.

[9] Arrincaches de Exipto unha vide,
expulsaches nacións para a plantar;
[10] preparáchesIle o chan,
botou raíces, encheu a terra.
[11] A súa sombra cubría os montes,
os seus bacelos eran coma cedros;
[12] estendeu as súas ramas ata o mar,
os seus gromos ata o río.

[13] Por que lle derrubaches os valados,
para que a vendimen cantos pasan?
[14] Os xabarís estragan nela
e devórana as bestas do campo.
[15] Dá a volta, Deus dos exércitos,
olla desde o ceo e mira.
Atende esta vide,
[16] esta videira que plantaches coa túa man,
o bacelo que ti fortaleciches.
[17] Queimárono, chapodárono:
perezan ante o furor da túa presenza.

[18] Que a túa man protexa o teu elixido,
o home que ti fortaleciches.
[19] Non nos afastaremos máis de ti:
dános vida de novo, e invocaremos o teu nome.

[20] Restáuranos, Señor dos exércitos:
móstrate e seremos salvos.

## SALMO **81 (80)**

### Ai, se o meu pobo me escoitase!

[1] *Do mestre do coro, coa cítola de Gat. De Asaf.*

[2] Cantade a Deus, a nosa forza,
aclamade ao Deus de Israel;
[3] pulsade o salterio, tocade o pandeiro,
a donda cítara e a arpa.
[4] Tocade a trompeta na lúa nova,
na lúa chea, no día da festa.

[5] Para Israel isto é unha lei,
un precepto do Deus de Xacob.
[6] Impúxollo por lei a Xosé
cando saíu da terra de Exipto.

[7] Escoitei a fala dun descoñecido,
tireille a carga do lombo,

**80**, 9 A imaxe da viña (Is **5**, 1-5; Xer **2**, 11; Ez **17**).
**80**, 12 *O río* é o Éufrates, fronteira do reino de David (Xén **15**, 18; 1 Re **5**, 4).
**81** *Ai, se o meu pobo me escoitase!*: Requirimento ao pobo para que loe e escoite a Deus que o quere salvar. A segunda parte ten forma de oráculo ou palabra de Deus.
**81**, 7 O *descoñecido*, ou aínda non sinalado pola obra salvadora, é o pobo oprimido, comezando polos sufrimentos de Xosé.

as súas mans deixaron as cestas.
8 No aperto chamáchesme e libreite,
respondinche agachado entre trebóns,
púxente a proba nas augas de Meribah.

9 Oe, meu pobo, que quero avisarte,
escóitame ben, Israel:
10 "Non terás contigo un deus estraño,
non adorarás un deus alleo.
11 Eu son o Señor, o teu Deus,
quen te sacou da terra de Exipto:
abre a túa boca, que eu a encherei".

12 Pero o meu pobo non escoitou a miña voz,
Israel non quixo nada de min.
13 E deixeinos á súa teima,
que fixesen ao seu xeito.
14 Ai, se o meu pobo me escoitase,
se Israel seguise o meu camiño!
15 Abateríalle nun intre os inimigos,
volvería a miña man contra os opresores.

16 Os que aborrecen o Señor, adularíano,
e a súa sorte sería duradeira.
17 Manteríao con flor de trigo,
con mel bravo o fartaría.

## SALMO **82 (81)**

### Facede xustiza aos pobres

1 *Salmo, de Asaf.*

Deus érguese no concello divino,
fai xuízo na xunta dos deuses.

2 Por canto tempo aínda xulgaredes inxustamente
favorecendo a causa dos malvados?
3 Facede xustiza aos pobres e aos orfos,
dade o seu dereito aos humildes e aos pobres,
4 rescatade os pobres e oprimidos,
librádeos da man dos malvados.

5 Eles non saben nin entenden; camiñan ás escuras,
mentres o mundo treme desde os alicerces.
6 Eu dixera: "Sodes deuses,
fillos todos do Altísimo;
7 pero morreredes coma os homes,
caeredes o mesmo ca os tiranos".

8 Érguete, Deus, goberna ti a terra,
pois todos os pobos che pertencen.

**81**, 8 A proba en Meribah en Éx **17**, 1-7.
**81**, 9ss O primeiro mandamento do decálogo (Éx **20**, 2s).
**82** *Facede xustiza aos pobres*: Acusación da inxustiza e deprecación polo goberno xusto de Deus.
**82**, 1 Os *deuses* ameazados son personificación da desorde que reina no mundo, no corpo dos opresores.
**82**, 6 Os poderosos que se fan deuses (Ez **28**, 1-10).
**82**, 8 A idea do reino de Iavé (Sal **47**, **93**, **96**, **97**).

# SALMO **83 (82)**

## Os pobos en conxura

1 *Cántiga, salmo, de Asaf.*

2 Señor, non quedes calado,
non esteas, Deus, mudo e quedo.
3 Mira que os teus inimigos se reviran,
os que te aborrecen erguen a cabeza.

4 Traman un proxecto en contra do teu pobo,
conspiran contra os teus protexidos.
5 "Vide –din–; borrémolo de entre os pobos
que non se recorde máis o nome de Israel".

6 Están de acordo na conxura,
entran no pacto contra ti
7 as cabilas de Edom e de Ismael,
moabitas e agarenos,
8 Guebal, Amón e Amalec,
filisteos e mais tirios;
9 tamén os acompañan os asirios,
axudando aos fillos de Lot.

10 Failles coma a Madián e coma a Sísera,
coma a Iabín no torrente Quixón:
11 foron destruídos en Endor
e ficaron coma esterco dos campos.
12 Trata os seus xefes coma a Oreb e a Zeeb,
os seus nobres coma a Zébah e Salmuná,
13 que dicían: "Conquistemos as terras de Deus".

14 Convérteos, meu Deus, en folla seca,
en cisco diante do vento.
15 Coma lume que queima os bosques,
coma fogueira que abura os montes,
16 persígueos así coa tempestade,
atérraos co furacán.

17 Fártaos de vergonza,
ata que invoquen, Señor, o teu nome.
18 Queden avergonzados, enteiramente abatidos,
que se vexan perdidos e confusos.
19 Que aprendan que só ti, Señor,
es o Altísimo en toda a terra.

**83** *Os pobos en conxura*: O pobo pide vinganza para os inimigos que conxuran e ameazan.
**83**, 3ss Conxuras contra Sión e contra o rei unxido (Sal **2**, 2s; **46**, 4. 7; **48**, 5).
**83**, 6ss Os pobos veciños do arredor, uns sedentarios e outros seminómades.
**83**, 10ss Nomes e feitos da época do sedentarismo (Xuí **6**-8).

# SALMO **84 (83)**

## O meu corazón relouca

[1] *Do mestre do coro, coa cítola de Gat. Dos coreítas, salmo.*

[2] Que agarimosa é a túa morada,
Señor do universo!

[3] A miña alma ten saudade,
consómese polos teus adros;
o meu corazón e todo o meu corpo
reloucan polo Deus vivo.

[4] Mesmo o paxaro atopa casa,
a andoriña un niño
onde poñer os filliños:
ao pé dos teus altares,
Señor dos exércitos,
meu rei e meu Deus.

[5] Ditosos os que habitan na túa casa
e decote te loan.
[6] Ditosos os que atopan en ti forza
e pensan nos teus camiños.

[7] Ao pasaren polo val árido,
trócano en oasis
e a chuvia primeira cóbreo de bens.
[8] Atravesan de forte en forte,
ata veren a Deus en Sión.

[9] Señor, Deus dos exércitos,
oe a miña súplica,
escoita, Deus de Israel.
[10] Atende, Deus, ao noso rei,
mira o rostro do teu Unxido.

[11] Un día nos teus adros vale por máis de mil:
eu prefiro o limiar da casa do meu Deus
que habitar na tenda dos malvados.
[12] O Señor é adarga e escudo,
o Señor outorga gloria e favor.
Non nega ben ningún
aos que camiñan na inocencia.

[13] Señor dos exércitos,
benia quen en ti confía.

**84** *O meu corazón relouca*: Saudade do peregrino, mentres camiña ao encontro de Deus no seu santuario. É un dos cantos de Sión (Sal **46**, **48**, **76**, **122**).
**84**, 7 *Val árido*, lectura aproximada; quizais é un lugar preciso, coñecido. Oasis, ou máis exactamente, manancial.
**84**, 10 A tradución de *rei*: lit. "escudo", un título real (Sal **47**, 10; **89**, 10).

## SALMO **85 (84)**

### Ti es bo coa túa terra

1 *Do mestre do coro. Dos coreítas, salmo.*

2 Señor, ti es bo coa túa terra,
ti restauras a sorte de Xacob.
3 Ti perdoas as culpas do teu pobo,
ti cobres os seus pecados.
4 Ti reprimes a túa ira
e arredas a ardente carraxe.

5 Restáuranos, Deus, noso salvador,
depón a túa indignación contra nós.
6 Vas estar enfadado connosco para sempre?
Vas manter a túa ira polas xeracións?
7 Non volverás xa a darnos vida
e que poida o teu pobo alegrarse contigo?

8 Móstranos, Señor, o teu amor,
dános a túa salvación.

9 Escoitarei o que di o noso Deus:
certamente o Señor fala de paz
para o seu pobo e os seus amigos,
para aqueles que se converten e confían.
10 A salvación está xa preto dos que o temen,
a súa gloria habitará na nosa terra.

11 O amor e a fidelidade atoparanse,
abrazaranse a xustiza e mais a paz.
12 Na terra xermolará a fidelidade,
a xustiza ollará desde o ceo.
13 O mesmo Señor dará os bens,
a nosa terra dará os froitos.
14 A xustiza irá diante del,
guiará os seus pés no camiño.

## SALMO **86 (85)**

### Un sinal da túa bondade

1 *Pregaria, de David.*

Señor, abaixa o oído e aténdeme,
que son pobre e coitado;
2 gárdame, que son amigo teu,
salva, meu Deus, a este servo que confía en ti.
3 Apiádate, Señor, que te estou a chamar o día enteiro;
4 alegra o meu espírito que se dirixe a ti.

**85** *Ti es bo coa túa terra*: Súplica pola restauración. O contido desta son os bens do perdón, da paz, da prosperidade e da xustiza, todos eles sinais de Deus.
**85**, 2 Restaurar non se refire directamente á volta do desterro, senón a un estado de integridade que aínda nunca existiu (Sal **126**, 1; Xob **42**, 10; Ez **16**, 53; **29**, 14).
**85**, 7 Só Deus dá a vida verdadeira, que estoura en loanza (Sal **41**, 3; **80**, 19).
**85**, 9 O dicir de Deus é unha promesa (Sal **60**, 8).
**86** *Un sinal da túa bondade*: Petición de axuda a Deus, que acabará de librar ao home de perigos e tristuras, para o facer revelador da súa bondade.

5 Ti, Señor, es bo e indulxente,
cheo de amor para aqueles que te invocan.
6 Escoita, Señor, a miña súplica,
atende a miña pregaria.
7 Chámote na hora do aperto
e ti hasme axudar.

8 Ti, Señor, non tes semellante entre os deuses,
non hai feitos coma os teus.
9 Os pobos todos que fixeches
virán, Señor, adorarte, honrar o teu nome.
10 Ti es grande e fas prodixios,
ti es o único Deus.

11 Ensíname, Señor, os teus camiños
e andarei coa túa verdade;
recolle o meu corazón no temor do teu nome.
12 Eu loareite, Señor, meu Deus, de todo corazón,
glorificarei decote o teu nome,
13 pois o teu amor comigo é moi grande,
ti líbrasme do abismo.
14 Os soberbios, meu Deus, érguense contra min,
un fato de violentos busca a miña vida,
sen repararen en ti.
15 Pero ti, Señor, es Deus compasivo e clemente,
tardo á ira, grande en amor e lealdade.

16 Mira para min, apiádate,
dálle forzas ao teu servo, salva o fillo da túa serva.
17 Fai de min un sinal da túa bondade
para que vexan e se avergoncen aqueles que me aborrecen,
pois ti, Señor, es para min axuda e consolo.

## SALMO **87 (86)**

### Cidade de Deus

1 *Dos coreítas, salmo, cántiga.*

Os seus alicerces están no monte santo:
2 O Señor ama as portas de Sión
máis ca todas as moradas de Xacob.

3 Gloriosas cousas dinse de ti, cidade de Deus.
4 Citarei a Exipto e a Babilonia
entre os que me veneran;
velaí os filisteos e os tirios
e os mesmos etíopes que naceron alí.

**86**, 5 Títulos polos que Deus se fai coñecer (Éx **34**, 6s; Sal **103**, 8).
**86**, 8 Non hai outro Deus, senón o que se revela nos seus feitos (Éx **15**, 11; Xer **10**, 6).
**87** *Cidade de Deus*: Canto de Sión, o lugar onde todos os pobos anhelarán un día ter nacido, porque alí se revelou estar Deus co seu pobo. O centralismo de Sión vale por unha profesión de fe monoteísta (Is **2**, 2-4; **54**, 1-8; Sof **2**, 9s; Sal **86**, 9).
**87**, 4 No lugar de *Exipto* o texto di *Ráhab*, monstro mariño que o representa (Sal **89**, 11; Xob **9**, 13; Is **30**, 7).

5 De Sión hase dicir:
"Un por un naceron todos nela
e fundouna o mesmo Altísimo".

6 O Señor escribirá no rexistro dos pobos:
"Este naceu alí".
7 E cantarán danzando:
"As miñas fontes están todas en ti".

## SALMO **88 (87)**

### Farto de males

1 *Cántiga, salmo, dos coreítas. Do mestre do coro, segundo Mahalat, para cantar. De Hemán o indíxena.*

2 Señor, Deus, o meu salvador,
a ti clamo, día e noite.
3 Chegue a ti a miña súplica,
abaixa o teu oído ao meu clamor.

4 Estou farto de males,
a miña vida á beira do abismo.
5 Cóntanme xa entre os que baixan ao sepulcro,
son home sen remedio.
6 Estou abandonado entre os mortos,
coma os cadáveres deitados no sepulcro,
dos que xa non te lembras.

7 Botáchesme na cova profunda,
nas tebras do abismo.
8 Sobre min pousa a túa indignación,
todas as túas ondas me envolven.
9 Arredas de min aos da familia,
fasme noxento para eles.
10 Estou pechado e sen saída,
anubrados os ollos de pesar.

Todo o día estou a te chamar,
estendendo as mans cara a ti.
11 Fas ti prodixios cos mortos?
Érguense os defuntos a te loaren?
12 Fálase do teu amor no sepulcro,
da túa fidelidade no reino da morte?
13 Coñécense nas tebras as túas marabillas,
a túa xustiza na terra do esquecemento?

14 Pero eu, Señor, clamo a ti,
a miña oración vai de mañá ao teu encontro.

**88** *Farto de males*: Queixa dun home aflixido, chamando coma desde as tebras do sepulcro. Nin Xob nin Xeremías usan linguaxe máis extremosa para pintar a aflición.

**88**, 4ss A linguaxe da morte é a que máis abunda (Sal **6**, 6; **30**, 4; **86**, 13; **143**, 3. 7).
**88**, 11ss A morte separa de Deus (Sal **30**, 10; **94**, 17; **115**, 17; Is **38**, 18).

15 Por que, Señor, me rexeitas
e escondes de min a túa presenza?
16 Desde neno son pobre e malpocado,
dobrado de aturar os teus terrores.
17 O teu furor asobállame,
consómenme os teus espantos;
18 rodéanme, coma auga, o día enteiro,
asáltanme todos a un tempo.
19 Arredaches de min amigos e compañeiros,
por única compaña teño as tebras.

## SALMO **89 (88)**

### O pacto co rei unxido

1 *Maskil, de Etán o indíxena.*

2 Quero cantar por sempre o amor do Señor,
pregoar polas xeracións a súa fidelidade:
3 "Penso que o teu amor está fundado co mundo,
a túa fidelidade asentada cos ceos".

4 Co meu elixido firmo unha alianza,
ao meu servo David fágolle un xuramento:
5 "Afincarei a túa liñaxe para sempre,
construireiche un trono duradeiro".

6 Os ceos proclaman, Señor, as túas marabillas,
a asemblea dos santos, a túa fidelidade.

7 Quen, sobre as nubes, se compararía co Señor?
Quen lle semella entre os seres divinos?
8 Deus no consello dos santos é temido,
grande e terrible para canto o rodea.
9 Señor, Deus dos exércitos, quen hai coma ti,
cinguido, Señor, de poder e fidelidade?

10 Ti dominas a soberbia do mar,
acalas as ondas levantadas.
11 Ti esmagas a Rahab coma un cadáver
e desbaratas con brazo poderoso os teus inimigos.
12 Teu é o ceo e túa a terra,
o mundo e canto o enche ti o fundaches.

13 Ti creaches o norte e o sur,
o Tabor e o Hermón exultan no teu nome.
14 Ti tes brazo potente,
a túa man é forte, a túa dereita ergueita.
15 Xustiza e rectitude fundamentan o teu trono,
amor e fidelidade marchan ante ti.

**89** *O pacto co rei unxido*: O Deus creador, que elixiu ao rei e lle fixo promesas, debería salvalo das mans dos seus inimigos. Na oración a loanza enche tanto como a súplica.
**89**, 4s Promesas real-mesiánicas (2 Sam **7**, 16; Xer **33**, 21; Sal **132**, 11).
**89**, 6 *Santos*, anxos do ceo (Xob **5**, 1; Zac **14**, 5).
**89**, 11 *Ráhab* é un mostro mariño que personifica o caos e que se refire a Exipto moitas veces (Is **30**, 7; cf nota a Sal **87**, 4).

16 Feliz o pobo que sabe aclamarte
e camiñar, Señor, na luz da túa presenza.
17 O teu nome fai a súa ledicia o día enteiro,
a túa xustiza é a súa gloria.
18 Ti es, en verdade, a súa gloria e a súa forza,
polo teu favor erguemos nós a testa.
19 O Señor é o noso escudo,
o santo de Israel, o noso rei.

20 Un día falaches así en visión aos teus amigos:
"Púxenlle a coroa a un valente,
erguín do medio do pobo un elixido;
21 atopei o meu servo David
e unxino con óleo santo.
22 A miña rexa man estará con el,
o meu brazo farao forte.

23 Non poderán con el os inimigos
nin o abaterán os malvados.
24 Eu desfarei ante el os meus adversarios,
ferirei os que me aborrecen.
25 A miña fidelidade e o meu amor irán con el
e no meu nome erguerá a testa.
26 Estenderei sobre o mar a súa man,
sobre os ríos a súa dereita.

27 El dirame: "Ti es meu pai,
meu Deus, rocha da miña salvación".
28 Eu dareille a primoxenitura,
a soberanía sobre os reis da terra.
29 Gardareille o meu amor eternamente
e a miña alianza con el será leal.
30 Dareille unha posteridade duradeira,
o seu trono sosterase coma os ceos.

31 Se os seus fillos abandonan a miña lei
e non se rexen polas miñas decisións;
32 se profanan os meus mandatos
e non gardan os meus preceptos,
33 eu fustrigarei coa vara os seus delitos
e con azoutes as súas culpas.
34 Pero non lles retirarei o meu amor
nin faltarei á miña fidelidade;
35 non violarei a miña alianza
nin mudarei o dito dos meus labios.

36 Unha vez xurei pola miña santidade
que non mentiría a David.
37 A súa posteridade será eterna,
o seu reino durará coma o sol ante min,
38 coma a lúa, que está firme por sempre,
signo fiel no alto do ceo".

**89**, 39ss Queixa propia dos grandes lamentos nacionais (Sal **44**, 10ss; **60**, 3ss).

**89**, 53 Doxoloxía que remata o terceiro libro dos salmos (Sal **41**, 14; **72**, 18s).

39 Pero ti rexeitáchelo, desdeñáchelo,
incomodácheste co teu unxido;
40 rompiches a alianza co teu servo,
profanaches polo chan a súa coroa.
41 Derrubaches os seus muros,
convertícheslle en ruína as fortalezas.

42 Os que pasan saquéano,
é o riso dos veciños.
43 Erguiches a man dos seus adversarios,
alegraches os seus inimigos.
44 Gafaches o fío da súa espada
e non o sostiveches na batalla.
45 Tiráchelo do seu esplendor,
botaches por terra o seu trono.
46 Acurtaches os días da súa mocidade,
cubríchelo de ignominia.

47 Por canto tempo aínda, Señor?
Esconderaste para sempre?
Arderá coma lume o teu furor?
48 Recorda cal é a miña duración
e que caducos creaches os homes.
49 Que home vivirá sen ver a morte?
Quen librará a súa vida das poutas do abismo?
50 Onde está, Señor, o antigo amor
que pola túa fidelidade lle xuraches a David?

51 Ten en conta, Señor, a aldraxe dos teus servos,
o que teñen que aturar de todas as nacións;
52 os insultos, Señor, dos teus inimigos,
os insultos aos pasos do teu Unxido.

53 Bendito sexa por sempre o Señor.
Amén. Amén.

## SALMO **90 (89)**

### Ensínanos a contar os nosos días

1 *Pregaria, de Moisés, home de Deus.*

Señor, ti fuches o noso agarimo
ao longo das xeracións.

2 Antes que os montes xurdisen,
e que fosen formados a terra e o mundo,
desde sempre e por sempre es ti Deus.
3 Ti podes volver en po aos mortais,
con dicirlles: "Fóra, homes".

4 Mil anos ante ti son coma o onte que pasou
e coma unha vixilia da noite.

**90** *Ensínanos a contar os nosos días*: Reflexión sobre a vida curta dos homes fronte á eternidade de Deus.

**90**, 3 O home tirado do po (Xén **3**, 19; Xob **10**, 9; Sal **103**, 14; **146**, 4).
**90**, 4ss A idea da caducidade (citado en 2 Pe **3**, 8).

5 Ti falos pasar, e son coma sono da mañanciña,
coma herba que agroma:
6 de mañá florece e verdea
e á tarde ségana e seca.

7 A túa ira fainos desfalecer,
a túa cólera tennos desmaiados,
8 porque pos as nosas culpas ante ti,
os nosos segredos á luz da túa ollada.
9 Os nosos días esvaecen na túa indignación,
acabamos coma un suspiro os nosos anos.

10 A nosa vida é de setenta anos,
de oitenta a dos máis fortes;
e os máis deles son de traballos e miserias:
esvaecen de présa e nós voamos.
11 Quen puidese valorar a forza da túa ira,
a túa indignación, co debido temor!

12 Ensínanos a contar os nosos días,
para que aprendamos a ser asisados.
13 Volve, Señor. Por canto aínda?
Apiádate dos teus servos.
14 Dános axiña a fartura da túa misericordia,
para que a nosa vida teña felicidade e ledicia.

15 Alégranos polos días en que nos aflixiches,
por tantos anos de coitas.
16 Que se vexa a túa obra nos teus servos
e a túa gloria nos teus fillos.
17 Que a bondade do Señor, noso Deus, sexa connosco
e que el asegure as accións das nosas mans.

## SALMO **91 (90)**

### Nas palmas das mans

1 O que habita ao agarimo do Altísimo
e mora á sombra do Omnipotente,
2 dígalle ao Señor: "Meu refuxio, miña forza,
meu Deus, en quen confío".

3 El é quen te libra do lazo do cazador
e da peste maligna.
4 Cóbrete coas súas plumas,
protéxete coas súas ás,
escóndete co seu brazo e deféndete.

5 Non temerás as sorpresas da noite
nin as frechas que voan polo día,
6 nin a peste que rolda nas tebras
nin o andazo que estraga ao mediodía.

**90**, 8 Os segredos dos homes non se lle esconden a Deus (Xob **28**, 11; Sal **44**, 22).
**91** *Nas palmas das mans*: Deus libra dos perigos aos que confían nel. É un poema didáctico.
**91**, 2 *Dígalle*, coas Versións.
**91**, 4 Imaxe da protección (Sal **17**, 8; **61**, 5; Mt **23**, 37).

7 Se ao teu lado caen mil,
e dez mil á túa dereita,
a ti non te tocará.
8 Só con abrir os ollos,
verás o pago dos malvados.

9 Abofé o Señor é o teu refuxio,
tes no Altísimo a defensa.
10 Ningún mal non te tocará,
ningunha praga non se achegará á túa tenda.
11 Pois El manda os seus anxos
para que te garden en todos os camiños.

12 Levarante nas palmas das mans
para que non batan nas pedras os teus pés.
13 Esmagarás áspides e serpes,
calcarás leóns e dragóns.

14 Xa que me ten afecto, librareino,
poreino en seguro, xa que coñece o meu nome.
15 Chamarame, e respondereille,
estarei con el nos apertos,
defendereino e honrareino.
16 Dareille días a fartar,
mostrareille a miña salvación.

## SALMO **92 (91)**

### Os xustos medrarán

1 *Salmo, cántiga, para o sábado.*

2 É bo loarte, Señor,
cantar o teu nome, Altísimo,
3 pregoar de mañá o teu amor
e de noite a túa fidelidade,
4 ao son da arpa e da lira,
coas soantes cordas da cítola.

5 As túas obras, Señor, danme alegría,
as accións das túas mans fanme cantar;
6 os teus feitos, Señor, que grandes son!
Que profundos os teus proxectos!
7 O ignorante non o sabe,
o parvo non o entende.

8 Se medran os malfeitores coma a herba,
se os malvados florecen,
serán destruídos para sempre,
9 mentres ti, Señor, es eternamente excelso.
10 Aí están, Señor, os teus inimigos,
aí están os teus inimigos perecendo
e dispersos os malfeitores.

**91**, 11s Os anxos protectores (Núm **20**, 16; Tob **5**ss; Sal **34**, 8; Heb **1**, 14; Mt **4**, 6).
**92** *Os xustos medrarán*: Grazas pola axuda que Deus lles outorga aos xustos. A sorte dos malvados remata na perdición.
**92**, 7 Termos sapienciais con contido relixioso: posturas persoais diante do absoluto.

11 Mais a min dásme a forza dun touro
e únxesme con óleo fresco.
12 Cos meus ollos verei a ruína do opresor,
cos meus oídos a dos meus inxustos agresores.

13 Os xustos medrarán coma palmeiras,
ergueranse coma cedros do Líbano.
14 Plantados na casa do Señor,
florecerán nos adros do noso Deus.
15 Aínda na vellez seguirán dando froito,
estarán fortes e frescos,
16 para pregoar que recto é o Señor,
a miña rocha, en quen non hai iniquidade.

## SALMO **93 (92)**

### Reina o Señor

1 Reina o Señor, vestido de maxestade,
o Señor está vestido, cinguido de poder,
e o mundo non abanea, está firme.
2 O teu asento está afincado desde sempre,
ti estás aí desde a eternidade.

3 As correntes erguen, Señor,
as correntes erguen a súa voz,
as correntes erguen o seu fragor.
4 Pero, máis que a voz das moitas augas,
máis podente do que as ondas do mar
é potente nas alturas o Señor.

5 A revelación do Señor é verdadeira,
a santidade é o ornato da túa casa,
polos séculos, Señor.

## SALMO **94 (93)**

### O pago dos soberbios

1 Señor, Deus xusticeiro,
Deus xusticeiro, maniféstate;
2 xuíz da terra, érguete,
dálles o seu pago aos soberbios.

3 Ata que día os malvados, Señor,
ata que día os malvados triunfarán?
4 Os malfeitores latrican,
falan con insolencia e xactancia.

**92**, 11 Literalmente, *a forza dun touro* (Dt **33**, 17; Sal **22**, 22; **75**, 5. 11).
**93** *Reina o Señor*: Loanza a Deus, señor do mundo, dono de todas as súas forzas. É un canto do reino de Iavé (Sal **47**; **96**-**99**).
**93**, 1 Deus na figura de rei (Éx **15**, 18; 1 Sam **12**, 12; Is **52**, 7; Sal **47**, 10).
**93**, 4 As *augas* co sentido mítico do caos primordial (Sal **46**, 4; **65**, 8; **104**, 7).
**94** *O pago dos soberbios*: Deprecación pola xustiza de Deus contra os malvados, en axuda do seu pobo.
**94**, 1 Non se pide vinganza, senón xustiza (Dt **32**, 35ss; Xer **51**, 56; Nah **1**, 2).
**94**, 2 Érguete, teofanía de xuízo (Is **33**, 10; Sal **7**, 7).

5 Oprimen, Señor, o teu pobo,
asoballan o teu herdo;
6 matan viúvas e estranxeiros,
asasinan orfos.
7 Din: "O Señor non o ve,
o Deus de Xacob non se decata".

8 Entendede, xente insensata,
cando teredes xuízo, ignorantes?
9 Non vai oír quen plantou o oído?
Non vai ver quen fixo os ollos?
10 Non vai castigar quen educa os pobos
e ensina a ciencia aos humanos?
11 O Señor coñece ben as ideas dos homes:
verdadeira vaidade.

12 Feliz o que ti corrixes, Señor,
e lle ensinas a túa vontade.
13 Despois das horas malas dáslle o sosego,
mentres para os malvados se cava unha cova.
14 Certamente o Señor non rexeita o seu pobo
nin abandona o seu herdo.
15 O xuízo será outra vez xusto
e todos os rectos o gardarán.

16 Quen se erguerá por min contra os malvados?
Quen me axudará en contra dos malfeitores?
17 Se o Señor non me acorrese,
xa estaría morando no silencio da morte.
18 Cando digo: "O meu pé tremelica",
o teu amor, Señor, sostenme.
19 Cando medran as coitas no meu peito,
o teu consolo alégrame o espírito.

20 Pode ser aliado teu o tribunal inxusto,
que no nome da lei amaña a opresión?
21 Asaltan a vida dos rectos
e condenan os inocentes.

22 Pero o Señor é o meu refuxio,
o meu Deus, a rocha onde me acollo.
23 El pagaralles a súa iniquidade,
destruiraos na súa mesma maldade,
destruiraos o Señor, noso Deus.

**94**, 6 As típicas clases pobres (Éx **22**, 21; Dt **14**, 29; Is **1**, 17).

**94**, 8 A ignorancia dos que negan a providencia (Sal **14**, 1; **49**, 11. 13; **92**, 7).

## SALMO **95 (94)**

### Vide

1 Vide, cantémoslle ao Señor,
aclamemos a nosa rocha salvadora;
2 acheguémonos á súa presenza con loanza,
aclamémolo con cancións.

3 O Señor é un Deus grande,
rei poderoso sobre todos os deuses.
4 Ten os fundamentos da terra na súa man,
perténcenlle os cumes dos montes.
5 Seus son os mares, que El fixo,
os continentes, que formou a súa man.

6 Vide, adorémolo prostrados,
axeonllémonos ante o Señor, que nos creou.
7 El é o noso Deus e nós somos o seu pobo,
o rabaño que guía a súa man.
Se escoitásedes hoxe a súa voz!

8 Non endurezades o corazón, coma en Meribah,
coma o día de Masah, no deserto,
9 cando vosos pais me tentaron,
provocáronme aínda que viran os meus feitos.

10 Corenta anos anoxoume aquela xente,
e dixen: "Son un pobo de extraviado corazón,
que non recoñece os meus camiños".
11 E xurei na miña cólera:
"Non entrarán no meu acougo".

## SALMO **96 (95)**

### Rexerá con xustiza

1 Cantádelle ao Señor un cántico novo,
cántalle ao Señor, terra enteira;
2 cantade ao Señor e bendicide o seu nome,
pregoade todos os días a súa salvación;
3 cantade entre as xentes a súa gloria;
ante todos os pobos, as súas marabillas.

4 Grande é o Señor e digno de loanza,
máis temible ca todos os deuses.
5 Os deuses das nacións son aparencia,
pero o Señor fixo os ceos.
6 Na súa presenza, gloria e maxestade;
no seu santuario, forza e fermosura.

**95** *Vide*: Loanza a Deus señor do mundo e pastor que guía o seu pobo. Convida ao pobo a cantar, e requíreo a non ser desagradecido, como o foran seus pais.
**95**, 7 Deus na imaxe do pastor (Sal **23**, 1ss; **79**, 13; **80**, 2; **100**, 3).
**95**, 8s Alusión a Éx **17**, 7; Núm **20**, 13.

**96** *Rexerá con xustiza*: Loanza a Deus, rei do mundo. Os pobos deberán recoñecer que fóra de Deus nada é digno da súa adoración; cando o recoñezan, será o reinado de Deus. Adaptado por 1 Cro **16**, 23ss.
**96**, 4s Loita contra os ídolos (Is **2**, 8ss; **40**, 18ss; **44**, 9ss; Sal **82**).

7 Tributade ao Señor, pobos todos,
tributade ao Señor honor e forza,
8 tributade ao Señor a gloria do seu nome.
Collede ofrendas, entrade nos seus adros,
9 adorade o Señor con vestido sagrado,
treme na súa presenza a terra enteira.

10 Dicide entre as xentes:
"O Señor reina,
asenta o mundo, e non se move,
goberna os pobos rectamente".

11 Alégrese o ceo, exulte a terra,
brúe o mar e canto o enche;
12 rían os campos e o que hai neles,
rebrinquen as árbores do bosque
13 diante do Señor que vén,
que vén para rexer a terra.
El rexerá o mundo con xustiza
e os pobos con rectitude.

## SALMO **97 (96)**

### Dono do mundo

1 O Señor reina, alégrese a terra,
exulten todas as illas.

2 Rodéano nubes e néboa,
xustiza e rectitude sosteñen o seu trono.
3 Un lume vai diante del
e queima os inimigos ao arredor.
4 Os seus lóstregos aluman os espazos,
e, ao velo, estarrécese a terra,
5 os montes derrétense coma cera,
diante do Señor, dono do mundo.

6 Os ceos pregoan a súa rectitude
e todos os pobos contemplan a súa gloria.
7 Avergónzanse os que adoran imaxes
e os que presumen dos seus ídolos:
diante del axeónllanse os deuses.

8 Ao escoitalo, alégrase Sión,
reloucan as vilas de Xudá,
polas túas decisións, Señor.
9 Ti, Señor, es o soberano de toda a terra,
no cumio de todos os deuses.

**96**, 7 Reflicte o Sal **29**, 1s.
**97** *Dono do mundo*: Cántico dos elementos, das nacións e do pobo de Israel a Deus que colle nas súas mans o goberno do mundo e se revela rei. Cantar do reino de Iavé (Sal **93**, **96**, **98**, **99**).
**97**, 2ss Teofanía na tempestade (Éx **19**, 16ss; Sal **18**, 8ss).
**97**, 7 Polémica coa idolatría (Is **42**, 17; **45**, 16; Sal **95**, 3; **96**, 4).

10 O Señor ama a quen aborrece a maldade,
garda a vida dos seus amigos,
líbraos das mans dos malvados.
11 A luz despunta para os xustos
e para os rectos a ledicia.
12 Alegrádevos, xustos, no Señor,
loade o seu nome santo.

## SALMO **98 (97)**

### Aclamade ao Señor rei

1 *Salmo.*

Cantádelle ao Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas,
a súa dereita e o seu brazo
déronlle a vitoria.

2 O Señor dá a coñecer a súa salvación,
revela a súa xustiza ante os pobos.
3 Lembra o seu amor e a súa fidelidade
coa casa de Israel.
Os pobos todos verán
a salvación do noso Deus.

4 Aclama o Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar.
5 Tocade para o Señor a cítara,
a cítara e o salterio;
6 con claríns e con trompetas
aclamade o Señor, noso rei.

7 Brúe o mar e canto o enche,
o mundo e cantos o habitan;
8 aplaudan os ríos,
xuntos canten os montes,
9 diante do Señor que vén
para rexer a terra.
El rexerá o mundo con xustiza
e os pobos con rectitude.

## SALMO **99 (98)**

### Santo é o Señor

1 O Señor reina, conmóvense os pobos;
senta sobre querubíns, estremécese a terra.
2 O Señor é grande en Sión,
no cumio de todos os pobos.

**97**, 11 Despuntar, no lugar de sementar do texto hebreo.
**98** *Aclamade ao Señor rei*: Loanza a Deus, que no seu goberno do mundo se revelará rei. É un himno escatolóxico que festexa a aquel que os pobos esperan (Sal **47**, **93**, **96**).
**98**, 8 As cousas do mundo animadas (Is **55**, 11; Hab **3**, 10; Sal **96**, 11ss).
**99** *Santo é o Señor*: Loanza a Deus rei, que, como se mostrou prudente co seu pobo, rexerá o mundo todo con xustiza.
**99**, 1 Proclamación do reinado de Deus (Sal **47**, 9; **93**, 1; **97**, 1).

3 Festexan o teu nome grande e terrible,
rei poderoso, que ama a xustiza.
4 Ti sustentas o xuízo no dereito
e fas xustiza en Israel.

5 Enxalzade ao Señor, noso Deus,
prostrádevos aos seus pés,
pois santo é o Señor.

6 Moisés e Aharón cos sacerdotes,
Samuel cos que invocaban o seu nome:
invocaban ao Señor, e o Señor respondía.

7 Deus faloulles desde a nube,
e eles gardaron as revelacións,
os preceptos que lles deu.

8 Señor, noso Deus, ti escoitáchelos:
fuches para eles o Deus que perdoa
e que vinga os delitos.

9 Enxalzade ao Señor, noso Deus,
prostrádevos ante o seu monte santo,
pois santo é o Señor, noso Deus.

## SALMO **100 (99)**

### Con loanzas e cántigas

1 *Salmo, para dar grazas.*

Aclama o Señor, terra enteira,
2 servide o Señor con alegría,
achegádevos con cántigas á súa presenza.

3 Sabede que o Señor é Deus,
que El nos fixo e que del somos,
o seu pobo, o seu rabaño.

4 Entrade polas súas portas con loanzas:
polos seus adros con cántigas.
Celebrádeo e bendicide o seu nome,
5 porque o Señor é bo.

O seu amor dura por sempre;
por xeracións a súa fidelidade.

**99**, 6 Lembranza dos grandes guías do pobo (Sal **77**, 21; **106**, 23; Xer **15**, 1).
**100** *Con loanzas e cántigas*: Acción de grazas pola elección, a guía e o amor que Deus revelou ao seu pobo.
**100**, 3 Israel recoñece que lle debe a Deus a súa mesma existencia como pobo (Dt **32**, 6. 15; Is **43**, 1; **44**, 2; Sal **95**, 6).
*Del somos*, no lugar de e non nós mesmos, coas versións.
**100**, 5 Proclamación de forma fixa (Xer **33**, 11; Sal **106**, 3; **118**, 1ss; **136**).

## SALMO **101 (100)**

### Propósitos dereitos

[1] *De David, salmo.*

Cantarei o amor e a xustiza,
loareite a ti, Señor.

[2] Quero atopar a senda recta,
cando virás a min?
Quero andar con mente pura
dentro da miña casa.

[3] Non cobizo a vaidade,
aborrezo os rebeldes:
a min non se achegarán.

[4] Apartaranse de min os malfeitores,
non terei tratos cos malvados.
[5] Ao que calumnie en segredo ao seu veciño
fareino eu calar.
Os soberbios e os altivos,
non os aturarei.

[6] Os meus ollos fíxanse nos leais:
eles habitarán comigo.
O que anda por camiño recto
ese é o que me serve.

[7] Non terá asento onda min
o inventor de engano;
o que conta mentiras
non permanecerá ante os meus ollos.

[8] Cada mañá farei calar
os malvados da terra,
ata arrincar da cidade do Señor
a todos os malfeitores.

## SALMO **102 (101)**

### Escoita o pranto dos cativos

[1] *Laios dun home aflixido, que expón a súa queixa ante o Señor.*

[2] Señor, escoita a miña súplica,
chegue a ti o meu clamor.
[3] Non me escondas o teu rostro no día do apuro.
Pon cara a min o oído
e, cando te chame, respóndeme axiña.

**101** *Propósitos dereitos*: O amor e a xustiza de Deus ofrécense como a máis certeira norma de conduta para os homes.
**101**, 3 *Vaidade*, literalmente cousas de Belial, sen valor (Dt **13**, 14; **15**, 9; Pr **6**, 12).

**102** *Escoita o pranto dos cativos*: Deprecación por unha existencia libre de tantos males e unha vida máis duradeira. Cando Deus se compadeza do seu pobo, o home coñecerá esa hora boa.
**102**, 3 Esconder o rostro, abandonar (Sal **27**, 9; **69**, 18; **143**, 7).

4 Os meus días esvaecen coma o fume,
os meus ósos arden coma as ascuas;
5 o meu corazón está murcho, seco coma o feo,
e mesmo de comer o pan me esquezo.

6 A forza de xemer,
a pel apégaseme aos ósos.
7 Estou como a curuxa do deserto,
coma o moucho nas ruínas.
8 Ando sen tocar o sono,
coma paxaro senlleiro no tellado.

9 Os inimigos aldráxanme decote,
e xuran coma loucos contra min.
10 En vez de pan como cinsa
e mesturo coas bágoas a bebida.

11 Con furor e indignación
érguesme en alto e tírasme.
12 Os meus días son coma sombra alongada,
estou seco coma o feo.

13 Pero ti, Señor, manteste por sempre;
o teu recordo, por todas as idades.
14 Ergueraste e apiadaraste de Sión,
pois é tempo de ter dó dela e a hora xa chegou.
15 Os teus servos téñenlles cariño ás súas pedras,
teñen dó das súas ruínas.

16 As xentes temerán o nome do Señor,
os reis da terra a súa gloria,
17 cando o Señor reconstrúa Sión
e se mostre na súa gloria;
18 cando o Señor atenda a oración dos espoliados
e non desprece a súa pregaria.
19 Isto escribirase para as xeracións vindeiras,
e o pobo entón creado loará o Señor.

20 O Señor olla desde o seu santuario excelso,
desde o ceo mira para a terra.
21 Escoita o pranto dos cativos,
libra os condenados a morte.
22 En Sión falarase do nome do Señor,
en Xerusalén da súa gloria,
23 cando pobos e reinos se xunten
para daren culto ao Señor.

24 A miña forza deveceu no camiño,
os meus días minguaron.
25 E digo: "Meu Deus,
non me leves no medio dos meus días;
os teus anos duran por todas as idades.

**102**, 12 Imaxes da caducidade (Sal **90**, 6; **109**, 23).
**102**, 16s Restauración de Sión e o seu impacto xeral (Is **2**, 2s; Miq **7**, 11s).
**102**, 27 A caducidade do home ante a eternidade de Deus (Is **51**, 6; Heb **1**, 10-12).

26 Ao comezo asentaches a terra
e os ceos son obra das túas mans.
27 Eles pasan, mais ti quedas;
gástanse coma a roupa,
coma un traxe que se muda;
28 pero ti es o mesmo,
os teus anos non acaban.

29 Os fillos dos teus servos estableceranse,
a súa posteridade estará segura á túa vista".

## SALMO **103 (102)**

### Os seus beneficios

1 *De David.*

Alma miña, bendice o Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
2 Alma miña, bendice o Señor,
non esquezas os seus beneficios.

3 El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
4 rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura;
5 farta de bens a túa existencia
e renova coma a da aguia a túa mocidade.

6 O Señor fai xustiza
e defende o dereito do oprimido.
7 Mostroulle a Moisés os seus camiños,
aos fillos de Israel as súas fazañas.

8 O Señor é misericordioso e clemente,
tardo á ira e rico en mercés.
9 Non contende por moito tempo
nin se anoxa para sempre.
10 Non nos trata conforme aos nosos erros
nin nos paga conforme ás nosas culpas.

11 Canto se alza o ceo sobre a terra,
así é grande o seu amor para os que o temen;
12 canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas;
13 canto un pai ama os seus fillos,
así ama o Señor os que o temen.
14 El sabe de que estamos feitos,
recorda que somos lama.

15 Os días do home son coma o feo,
o seu florecer coma o da flor:
16 aínda non a roza o vento, xa se foi,
e o seu sitio xa non a volve a ver.

**103** *Os seus beneficios*: Canto ao Deus xusto e misericordioso, que fai chegar o seu amor máis alá de todo límite de espazo e de tempo.

**103**, 5 A *aguia* parece sempre nova (Is **40**, 31).
**103**, 8 Propiedades de Deus (Éx **34**, 6; Sal **86**, 15).
**103**, 14 A condición do home (Xén **2**, 7; Sal **78**, 39).

17 Mais para os que o temen,
o amor do Señor dura por sempre,
a súa xustiza chega aos fillos e aos netos
18 dos que gardan a súa alianza,
dos que recordan os seus mandatos e os cumpren.
19 O Señor asentou no ceo o seu trono
e o seu reino goberna o universo.

20 Bendicide o Señor, os seus anxos,
seres poderosos ás súas ordes,
que obedecedes a súa palabra.
21 Bendicide o Señor, os seus exércitos,
servidores que facedes a súa vontade.
22 Bendicide ao Señor, as súas obras,
en todos os lugares do seu reino.

Alma miña, bendice o Señor.

## SALMO **104 (103)**

### O alento creador

1 Alma miña, bendice o Señor.

Señor, meu Deus, ti es moi grande,
vestido de gloria e maxestade,
2 envolto en luz coma nun manto.
Ti estendes o ceo coma unha tenda,
3 constrúes a túa morada sobre as augas;
ti pos as nubes por carro e camiñas nas ás do vento.
4 Dos ventos fas mensaxeiros;
das labaradas de lume, os teus ministros.

5 Ti asentaches a terra nos seus alicerces
e non abalará endexamais.
6 Cubríchela co manto do océano
e as augas subían ao alto dos montes.
7 Ante a túa ameaza, fuxiron;
á voz do teu trono, escaparon.
8 Erguéronse os montes e abaixáronse os vales
ao lugar que ti lles fixaches.
9 Puxécheslles fronteiras que non traspasarán:
non volverán cubrir a terra.

10 Ti encanas as fontes polos ríos
que corren entre montañas.
11 Beben as feras do monte, apagan a sede os onagros.
12 Nas súas ribeiras habitan paxaros
que cantan na ramallada.
13 Desde a túa morada regas as montañas:
do froito das túas obras fártase a terra.

**104** *O alento creador*: Loanza de todas as cousas ao Deus que as está creando, manténdoas en vida e, segundo as súas formas, levándoas ao seu cumprimento.
**104**, 1 O orante convídase a si mesmo a loar (Sal **103**, 1. 21).
**104**, 3 *As augas* de arriba, baixo o trono de Deus (Xén **1**, 6s; Xob **38**, 22. 35).
**104**, 9 *As fronteiras* do mar fan posible a vida na terra (Xer **5**, 22; Xob **38**, 10s).

14 Ti fas xermolar herba para o gando
e plantas para uso dos homes,
para que da terra saquen pan
15 e viño que alegra o corazón do home;
para que co aceite fagan brillar o seu rostro
e co pan repoñan as forzas.
16 Fártanse as árbores do Señor,
os cedros do Líbano que El plantou.
17 Alí fan os paxaros o seu niño,
a cegoña pon casa no seu cume.
18 Os picoutos son para as cabras,
os penedos para a tobeira dos teixos.

19 Ti fixeches a lúa e as súas fases
e o sol que coñece o seu poñente.
20 Mandas as tebras, e anoitece,
e osman as feras salvaxes.
21 Os leonciños ruxen pola presa,
piden a Deus o sustento.
22 Ao saír o sol arrédanse,
vanse deitar nos seus tobos.

23 Entón sae o home ao seu traballo,
ao seu labor, ata o serán.
24 Cantas son, Señor, as túas obras,
todas feitas con saber!
A terra está chea das túas criaturas.

25 Alá o mar grande e espazoso,
con réptiles que non se contan,
con animais pequenos e grandes.
26 Alí navegan as naves e o Leviatán,
que fixeches para que rebrinque.

27 Todos agardan de ti
que lles botes comida ao seu tempo.
28 Cando a botas, atrápana;
abres a man e fártanse de bens.
29 Escondes o teu rostro e estremecen;
retiras o teu alento e expiran, volvendo ao seu po.
30 Mandas o teu alento e son creados
e renovas a cara da terra.

31 Gloria ao Señor por sempre,
alégrese o Señor coas súas obras.
32 Cando El a enxerga, a terra treme;
cando toca os montes, botan fume.
33 Cantarei o Señor mentres viva,
salmearei ao meu Deus mentres exista.
34 Que El acolla o meu cantar
e alegrareime eu no Señor.
35 Que se borren da terra os pecadores
e que non existan máis malvados.

Alma miña, bendice o Señor.

**104**, 26 *Leviatán*, monstro mariño (Xob **40**, 25ss; Sal **74**, 14).

**104**, 30 O tema da creación (Xén **2**, 7; Xob **10**, 12).

**104**, 32 Teofanía na tempestade (Éx **19**, 18).

# SALMO **105 (104)**

## Lembrou a promesa

1 Loade o Señor, invocade o seu nome,
dade a coñecer as súas fazañas entre os pobos,
2 Cantádelle, tocádelle,
contade as súas marabillas.
3 Gloriádevos no seu nome santo
e que se alegre o corazón dos que buscan o Señor.
4 Preguntade polo Señor e o seu poder,
buscade sempre a súa presenza.
5 Relembrade as marabillas que fixo,
os prodixios e as decisións da súa boca.

6 Liñaxe do seu servo Abraham,
fillos de Xacob, os seus elixidos:
7 o Señor é o noso Deus,
o que goberna a terra enteira.
8 El recorda por sempre a súa alianza,
a palabra que deu polas xeracións.
9 O que pactou con Abraham e xurou a Isaac,
10 confirmouno como lei a Xacob
e a Israel como alianza eterna,
11 dicindo: "Dareiche a terra de Canaán
por sorte e por herdade".

12 Sendo eles poucos en número,
apoucados, forasteiros,
13 errando de nación en nación,
dun país noutro país,
14 non permitiu que ninguén os oprimise
e mesmo reis castigou por eles:
15 "Non toquedes os meus unxidos,
non fagades mal aos meus profetas".

16 Chamou a fame sobre a terra,
cortou o abasto do pan.
17 Mandou diante deles un home,
foi vendido Xosé coma escravo.
18 Atáronlle os pés con grillóns,
botáronlle cadeas de ferro ao pescozo,
19 ata que chegou a hora de se cumprir o agoiro,
e a palabra do Señor lle devolveu o creto.
20 Mandou o rei soltalo,
o soberano de pobos abriulle a prisión,
21 e fíxoo dono da súa casa,
administrador da súa facenda,
22 para que ao seu xeito instruíse os seus ministros
e lles ensinase o saber aos anciáns.

**105** *Lembrou a promesa*: Canto ao Deus que cumpre a promesa feita aos pais, librando da servidume aos seus fillos. Os feitos de Deus na historia cantados moitas veces (Sal **78**, 106; **107**, 136).

**105**, 1-15 Atópase formando outro canto en 1 Cro **16**, 8-22.
**105**, 9 A promesa da terra (Xén **12**, 7; **26**, 3ss).
**105**, 17ss A historia de Xosé (Xén **27**ss).

23 Entón Israel entrou en Exipto,
Xacob foi vivir á terra da Cam.
24 Deus fixo fecundo ao seu pobo,
máis forte ca os seus inimigos.
25 A estes viroulles o corazón,
e aborreceron o seu pobo,
fixeron aleivosías cos seus servos.
26 Mandou El o seu servo Moisés
e o seu elixido Aharón,
27 que fixeron sinais á súa vista,
prodixios na terra de Cam.

28 Mandou tebras e escureceu,
mais eles non se pregaron ás súas ordes.
29 Converteu as augas en sangue
e fixo morrer os peixes.
30 Formigou a terra coas ras,
ata as alcobas reais.
31 Mandouno, e viñeron moscas,
mosquitos en todos os sitios.
32 Deulles chuvia de pedrazo,
chamas de lume nas súas terras.
33 Abateu viñedos e figueiras,
estragou as árbores nos seus eidos.
34 Mandouno, e veu a lagosta,
saltóns que non se contaban
35 rillaron a herba dos campos
e comeron os froitos dos agros.
36 Feriu os primoxénitos en todo o país,
as primicias do seu vigor.

37 Entón fíxoos saír con prata e ouro,
sen unha falta nas súas tribos.
38 Alegráronse os exipcios da súa saída,
pois caera sobre eles o terror.
39 Tendeulles por cuberta unha nube,
un lume que os alumaba pola noite.
40 Pediron, e viñeron paspallás
e deulles con fartura pan do ceo.
41 Fendeu unha pena e saíu auga,
que corría polo deserto coma un río.

42 Abofé, lembrouse da promesa
que lle fixera ao seu servo Abraham.
43 Sacou o seu pobo con ledicia,
con cantos de triunfo os seus elixidos.
44 Deulles as terras dos xentís
e herdaron os froitos dos pobos,
45 para que gardasen os seus preceptos
e observasen a súa lei.

Aleluia

**105**, 28ss Versión lírica das pragas (Éx **7**-11).

**105**, 41 A bebida milagrosa no deserto (Éx **17**, 1ss; Sal **78**, 15s).

# SALMO **106 (105)**

## O pobo confesa

[1] Aleluia.
Loade o Señor, que é bo
e o seu amor é eterno.

[2] Quen podería contar as proezas do Señor,
cumpridamente as súas obras gloriosas?
[3] Felices os que respectan o dereito
e fan sempre a xustiza.
[4] Recórdame, Señor, polo amor ao teu pobo,
visítame coa túa salvación,
[5] para que poida ver a felicidade dos teus elixidos,
alegrarme coa ledicia do teu pobo,
gloriarme coa túa herdanza.

[6] Nós pecamos igual ca nosos pais,
cometemos maldade e iniquidade.
[7] Os nosos pais en Exipto
non valoraron os teus prodixios,
non lembraron o teu amor,
foron rebeldes no mar Vermello.
[8] Por mor do seu nome Deus salvounos,
para mostrar o seu poder.
[9] Increpou o mar Vermello e secou;
conduciunos polo mar coma se fose o deserto,
[10] librounos da man dos adversarios,
rescatounos dos inimigos.
[11] As augas alagaron os perseguidores,
sen quedar sequera un.
[12] Creron entón na súa palabra
e cantaron as súas glorias.

[13] Esqueceron axiña as súas obras,
non creron nos seus proxectos.
[14] Déronse no deserto a todos os caprichos,
tentaron a Deus na soidade.
[15] El deulles o que querían
pero acurtou as súas vidas.
[16] Envexaron a Moisés no campamento
e a Aharón, consagrado ao Señor.
[17] Abriuse a terra e tragou a Datán,
pechouse sobre o bando de Abiram.
[18] O lume alampou os seus adictos,
a chama aburou os malvados.
[19] No Horeb fixeron un touro,
adoraron un ídolo,
[20] trocaron a súa gloria
pola imaxe dun boi que come herba.

**106** *O pobo confesa*: O recordo do pasado leva ao reconfecemento dos moitos erros cometidos e das moitas mercés que Deus fixo ao seu pobo. Outras confesións históricas en Neh **9**, 5ss; Bar **2**; Dn **9**.

**106**, 1 Proclamación que constitúe o refrán do Sal **136**.
**106**, 15 Mingua dos viventes (Núm **11**, 33s).
**106**, 16 Pecado e castigo de Datán e Abiram (Núm **16**).

21 Esqueceron o Deus que os salvara,
que fixera portentos en Exipto,
22 prodixios na terra de Cam,
escarmentos no mar Vermello.
23 Deus falou de destruílos,
se non fose por Moisés, o seu elixido,
que se puxo na brecha diante del,
para arredalo do seu anoxo destrutor.

24 Desprezaron a terra cobizable,
non creron na súa palabra.
25 Murmuraron nas súas tendas
e non obedeceron o Señor.
26 El ergueu a man e xuroulles
que os abatería no deserto,
27 que espallaría a súa descendencia entre as xentes,
que os espallaría entre as nacións.

28 Colléronlle devoción a Baal-Peor
e comeron as ofrendas dos mortos.
29 Provocárono coas súas obras
e pegou neles a peste.
30 Levantouse Pinhás para reparar
e a peste cesou.
31 Foille apuntado na súa conta
por todas as xeracións.
32 Irritaron a Deus nas augas de Meribah
e por eles pagounas Moisés:
33 amargáronlle o espírito e el foise da lingua.

34 Non destruíron os pobos
que o Señor lles mandara.
35 Mesturáronse coas xentes,
aprenderon os seus costumes.
36 Deron culto aos seus ídolos,
caeron nas súas trampas.
37 Inmolaron para os demos
os seus fillos e as súas fillas.
38 Verteron sangue inocente
–o sangue dos fillos e das fillas
sacrificados aos ídolos cananeos–
e profanaron a terra con sangue.
39 Lixáronse coas súas obras,
corrompéronse coas súas accións.

40 O Señor irritouse co seu pobo
e aborreceu a súa herdanza.
41 Entregounos nas mans das xentes
e dominaron neles os que os odiaban.
42 Os seus inimigos oprimíronos,
humilláronos baixo a súa man.

**106**, 24ss A exploración de Canaán (Núm **14**, 11ss).
**106**, 28ss Tentación dos costumes cananeos (Núm **25**, 3ss).
**106**, 48 Doxoloxía que remata o cuarto libro dos salmos (Sal **41**, 14).

43 Moitas veces os librou,
pero eles, obstinados na súa teima,
afondaban na iniquidade.
44 Mais El ollaba a súa aflición
e escoitaba os seus salaios.
45 Lembraba a alianza en favor deles
e, no seu amor, compadecíase.
46 Facíalles ter dó deles
aos que os levaran cativos.

47 Sálvanos, Señor, noso Deus,
axúntanos de entre as xentes.
Loaremos o teu santo nome,
a túa loanza será o noso gozo.

48 Bendito sexa o Señor, Deus de Israel,
desde sempre e por sempre.
Diga o pobo todo:
Amén.
Aleluia.

## SALMO **107 (106)**

### Os redimidos do Señor

1 Loade o Señor, que é bo
e o seu amor é eterno.

2 Dígano os redimidos do Señor,
os que El redimiu da man dos opresores
3 e reuniu de todos os países,
do nacente e do poñente,
do norte e do sur.

4 Errando polo deserto solitario,
non atopaban camiño de cidade habitable.
5 Famentos e sedentos,
encollíaselles o espírito.

6 No aperto clamaron ao Señor
e El librounos da aflición.
7 Levounos por camiño dereito
cara a unha cidade habitable.

8 Dean grazas ao Señor pola súa misericordia,
polos seus prodixios cos humanos.
9 El sacia os sedentos
e farta de bens os famentos.

**107** *Os redimidos do Señor*: Acción de grazas a Deus que salva o seu pobo unha hora tras doutra. Cada aperto arrinca unha súplica; esta, unha axuda, e esta unha loanza.
**107**, 3 Liberación do desterro (Is **35**, 9s; **49**, 12; Zac **8**, 7s).
**107**, 4 Recordo do deserto, lugar de revelación da providencia (Dt **8**, 15; **32**, 10).
**107**, 6 Este refrán contén o tema da oración (vv. 13, 19, 28).
**107**, 8 Outro refrán, co ton da acción de grazas (vv. 15, 21, 31).

10 Xacían na escuridade e nas tebras,
presos de coitas e ferro,
11 por se teren rebelado contra a palabra de Deus
e desprezado o consello do Altísimo.
12 Aflixiunos El con traballos,
e eles cambaleaban, sen ninguén que lles valese.

13 Na desgraza clamaron ao Señor
e El librounos da aflición.
14 Sacounos da escuridade e das tebras
e rompeu as súas cadeas.

15 Dean grazas ao Señor pola súa misericordia,
polos seus prodixios cos humanos.
16 El rompeu as portas de bronce
e esnaquizou os ferrollos.

17 Doentes polos seus erros,
aflixidos polas súas culpas,
18 dáballes noxo a comida
e andaban ás portas da morte.

19 Na desgraza clamaron ao Señor
e El librounos da aflición.
20 Mandou a súa palabra e sandounos,
rescatounos da perdición.

21 Dean grazas ao Señor pola súa misericordia,
polos seus prodixios cos humanos.
22 Ofrézanlle sacrificio de loanza
e pregoen con xúbilo os seus feitos.

23 Os que baixan nos barcos ao mar,
para facer o seu traballo nas augas abismais,
24 poden ver os feitos do Señor,
os seus prodixios no océano.
25 Cun aceno del érguese o vento de temporal
e levántanse fortes as ondas:
26 érguense cara ao ceo e caen no abismo.

Co estómago revolto, mareados,
27 dan voltas coma borrachos:
toda a súa pericia queda en nada.
28 Na dificultade clamaron ao Señor
e El librounos da aflición.

29 El troca a tempestade en brisa lene,
e quedan caladas as ondas.
30 Alégranse eles coa calma,
e El lévaos ao porto anhelado.

31 Dean grazas ao Señor pola súa misericordia,
polos seus prodixios cos humanos.
32 Celébreno na asemblea do pobo,
lóeno na xunta dos anciáns.

33 El converte os ríos en deserto,
o manancial en terra reseca;
34 a terra vizosa en salinas
pola maldade dos moradores.
35 El cambia o deserto en lagoa
e a terra seca en manancial.
36 Asenta alí os famentos
e fundan cidade para habitar.
37 Sementan agros, plantan viñas
e recollen os froitos.

38 Dalles as bendicións, e van a máis
e as súas facendas non minguan.
39 Se minguasen e fosen abatidos
sería polo peso da malicia e das ansias.

40 O que bota desprezos sobre os grandes
e os fai errar por unha soidade sen camiños,
41 ergue os pobres da miseria
e acrecenta coma rabaños as súas casas.
42 Ao velo, alégranse os rectos,
mentres que a iniquidade pecha a súa boca.

43 O sabio terá en conta isto,
entenderá a misericordia do Señor.

## SALMO **108 (107)**

### O meu corazón está disposto

1 *Cántiga, salmo, de David.*

2 O meu corazón está disposto, meu Deus:
quero cantarche e loarte.
Espertade, miñas entrañas,
3 espertade, cítola e arpa:
eu quero cantar coa aurora.

4 Loareite, Señor, diante dos pobos,
cantareiche diante das nacións.
5 O teu amor é máis alto ca o ceo,
a túa fidelidade chega ata as nubes.

6 Érguete, Deus, sobre o ceo,
enche a terra da túa gloria.
7 Para que os teus amigos sexan liberados,
socórrenos coa salvación da túa dereita.

**107**, 34 Referencia a Sodoma.
**108** *O meu corazón está disposto*: Canto de loanza (vv. 2-6), como o Sal **57**, 8-12, e súplica (vv. 7-14), como o Sal **60**, 7-14.

8 O Deus santo tiña dito:
"Cantarei triunfo, partirei Xequem,
parcelarei o val de Sucot,
9 Meu é Galaad, meu Menaxés,
helmo da miña cabeza é Efraím,
e Xudá o meu cetro.
10 Moab é o estanque en que me baño,
sobre Edom poño a sandalia
e canto vitoria sobre Filistea".

11 Quen me levará a unha praza forte?
Quen me guiará ata Edom?
12 Quen, se non ti, Deus, que nos tes rexeitados
e xa non saes, Deus, co noso exército?

13 Axúdanos ti no aperto,
pois inútil é a axuda dos homes.
14 Con Deus faremos fazañas,
El esmagará os nosos opresores.

## SALMO **109 (108)**

### Imprecacións

1 *Do mestre do coro. De David, salmo.*

Deus a quen loo, non cales,
2 pois ábrense contra min bocas malvadas e dolosas.
Falan de min con lingua mentireira,
3 cércanme con palabras de odio,
combátenme sen razón.
4 En pago do meu amor eles acúsanme,
mentres eu estou rezando.
5 Vólvenme mal por ben,
xenreira por amor.

6 Apurra contra el a un malvado,
que teña á súa dereita un acusador.
7 Que no xuízo saia condenado
e a súa apelación se converta en culpa.
8 Que os seus días se acurten
e que outro colla o seu posto.
9 Que queden orfos seus fillos
e viúva a súa muller.
10 Que seus fillos vaian errantes e pedindo,
e que os boten das súas ruínas.
11 Que os acredores collan os seus bens
e xente allea rapine o froito do seu traballo.

12 Que ninguén teña dó del,
ninguén se apiade dos seus orfos.
13 Que a súa posteridade sexa arrincada
e que se borre o seu nome nunha xeración.

**109** *Imprecacións*: Esixencia de vinganza contra os inimigos inxustos. A imaxinación e o sentimento xúntanse neste salmo e piden todos os males para quen non merece ningún ben.

**109**, 6 *Acusador* ou un satán (Xob **1**, 6ss; 1 Cro **21**, 1).
**109**, 8 Referido a Xudas en Feit **1**, 20.
**109**, 13 Quedar sen posteridade é como morrer de todo (Xob **18**, 19; Sal **37**, 28).

14 Que o Señor teña en conta as culpas do pai
e que non borre os pecados da nai.
15 Que o Señor os teña diante
e que tache da terra a súa memoria.

16 Xa que nunca pensou en facer ben,
perseguiu o pobre e o humilde,
e empurrou á morte o angustiado.
17 Xa que prefire a maldición, que veña sobre el,
xa que non quere bendición, que se lle aparte.
18 Vístese de maldición coma dun traxe:
que coma a auga lle entre nas entrañas,
coma o aceite nos ósos;
19 que sexa o manto que o cobre,
e o axustador que o cingue!
20 Dea o Señor este pago aos que me acusan,
aos que pronuncian calumnias contra min.

21 Pero ti, Señor, o meu dono,
actúa, polo teu nome, en favor meu,
líbrame, conforme ao teu amor.
22 Eu son humilde e pobre, e co corazón ferido.
23 Voume coma a sombra que devala,
espantado, coma a lagosta.
24 Os meus xeonllos cambalean co xaxún,
o meu corpo anda esmorecido.
25 Fan burla de min: ao verme, abanean a cabeza.

26 Señor, meu Deus, axúdame,
sálvame, conforme ao teu amor.
27 Saberase que a túa man está aquí
e que es ti, Señor, quen o fai.
28 Que maldigan, con tal que ti bendigas:
ergueranse eles para vergonza,
mentres se alegra o teu servo.
29 Vestiranse de vergonza os meus acusadores,
cubriranse de confusión coma dun manto.

30 Eu dareille as grazas ao Señor,
loareino ante a multitude.
31 El ponse á dereita dos pobres
para os librar dos seus xuíces.

## SALMO **110 (109)**

### A vitoria do rei Mesías

1 *De David, salmo.*

Palabra do Señor ao meu señor:
"Senta á miña dereita
mentres poño os teus inimigos
por estrado dos teus pés".

**110** *A vitoria do rei Mesías*: Canto ao triunfo de Deus sobre as forzas do mal, por medio do rei unxido. Polo mesías Deus salva o seu pobo.

**110**, 1 *Palabra*, dito profético, promesa da salvación mesiánica (Mt **22**, 44; Feit **2**, 34s; Heb **1**, 13).

2 O cetro do poder
mándacho o Señor desde Sión:
domina nos teus inimigos.

3 "Es príncipe desde o día que naciches,
tes aura sagrada desde o seo,
desde o albor da túa infancia".

4 O Señor xurouno, e non se arrepinte:
"Ti es sacerdote para sempre
conforme ao rito de Melquisedec".

5 Á túa dereita o Señor
esmaga reis, no día da súa cólera;
6 xulga xentes, amorea cadáveres,
esmaga cabezas sobre a vasta terra.

7 Bebe do regato, no camiño,
e deseguida ergue a cabeza.

## SALMO **111 (110)**

### Feitos poderosos

1 Aleluia.

Loarei o Señor con todo o corazón
na reunión dos xustos, na asemblea.

2 Grandes son as obras do Señor,
dignas de estudo para todos os que as aman.
3 Gloriosos e esplendorosos son os seus feitos,
a súa xustiza é eterna:
4 fai prodixios memorables.

5 Dá mantenza a quen o teme
e recorda por sempre a súa alianza.

6 El móstralle ao seu pobo feitos poderosos,
dándolle a herdanza das nacións.

7 As obras das súas mans son xustas e leais,
os seus preceptos son firmes:
8 están fixados polos séculos,
feitos con sinceridade e rectitude.

**110**, 3 Recomposto, en parte coa axuda dos Setenta.
**110**, 4 *Melquisedec*, lectura tradicional desde os LXX (Xén **14**, 18; Heb **5**, 6).
Posiblemente "Rei xusto" fose unha lectura mellor. Ao rei no pobo de Deus élle propio o sacerdocio, a mediación en ben dos outros.
**110**, 5-7 O suxeito é Deus en figura de guerreiro. Erguer a cabeza ou triunfar (Sal **3**, 4; **27**, 6; **83**, 2); no Sal **2**, 9 Deus triunfa sobre o mal polo Mesías.
**111** *Feitos poderosos*: Loanza e grazas a Deus que cos seus feitos poderosos salva ao seu pobo e cumpre a promesa no seu favor. Un salmo alfabético.
**111**, 4 *Memorables*, que se festexan polos séculos (Éx **12**, 24; Sal **78**, 4. 11).

9 El mándalle a liberación ao seu pobo,
corrobora por sempre a súa alianza;
santo e terrible é o seu nome.

10 O temor do Señor é o principio da sabedoría:
asisados son os que o practican;
a súa loanza é eterna.

## SALMO **112 (111)**

### A prosperidade duradeira

1 Aleluia.
Ditoso o que teme o Señor
e ten gozo nos seus preceptos.

2 A súa descendencia será forte na terra,
a liñaxe dos rectos é bendita.
3 Na súa casa hai bens abondo
e a súa prosperidade é duradeira.
4 Nas tebras brilla unha luz para os rectos,
os xustos, os misericordiosos e os clementes.

5 Benia quen se apiada e presta,
e goberna os seus bens con xustiza.
6 Endexamais non perecerá,
pois de eterna lembranza son os rectos.

7 Non terá medo de malas noticias,
pois o seu corazón confía no Señor.
8 O seu corazón está firme e sen medo,
mentres olla os seus opresores na desfeita.
9 Dálles xenerosamente aos pobres,
a súa prosperidade é duradeira:
erguerá con honor a súa fronte.

10 O malvado irrítase ao velo,
renxe os dentes, consómese,
pois os seus proxectos bótanse a perder.

## SALMO **113 (112)**

### Deus ergue os pobres do esterco

1 Aleluia.

Loade, servidores do Señor,
loade o nome do Señor.

**111**, 10 Sentenza sapiencial (Pr **1**, 7; **9**, 10; Eclo **1**, 14).
**112** *A prosperidade duradeira*: Poema didáctico de procedemento alfabético sobre a conduta dos xustos e sobre a súa sorte (Sal **1**).
**112**, 4 A *luz* é sinal da prosperidade, como as tebras da miseria (Sal **37**, 6).
**112**, 9 *Fronte* ou "corno", unha expresión do triunfo (Sal **75**, 5; **89**, 18; **132**, 17).
**113** *Deus ergue os pobres do esterco*: Canto ao Deus poderoso que se abaixa e coida dos pobres. Con este salmo comeza o "hallel" (Sal **113-118**), loanza cantada polo pobo nas festas e por Xesús na cea derradeira (Mc **14**, 26).

2 Bendito sexa o nome do Señor,
agora e por sempre.
3 Desde o nacente ao poñente
loado sexa o nome do Señor.

4 Excelso sobre as xentes é o Señor,
sobre o ceo a súa gloria.

5 Quen coma o Señor, noso Deus,
que habita nas alturas
6 e que baixa para coidar
do ceo e mais da terra?

7 El ergue do po os indixentes,
levanta os pobres do esterco,
8 para lles dar asento cos nobres,
cos nobres do seu pobo.

9 El fai da estéril da casa
nai ditosa de fillos.

Aleluia.

## SALMO **114 (113a)**

### A terra danza

1 Cando Israel saíu de Exipto,
a familia de Xacob dun pobo estraño,
2 foi Xudá o seu santuario,
Israel o seu dominio.

3 Viuno o mar e fuxiu,
o Xordán botouse atrás;
4 os montes brincaron coma carneiros,
os outeiros coma años.

5 Que che pasa, mar, para fuxires,
Xordán, para te botares atrás;
6 montes, para brincardes coma carneiros,
e vós, outeiros, coma años?

7 Na presenza do Señor danza a terra,
na presenza do Deus de Xacob,
8 o que converte o penedo en estanque,
a rocha en fonte de augas.

**113**, 4 Señorío sobre toda a creación (Sal **8**, 2; **57**, 6. 12).
**113**, 7s Tema do canto de Ana e do *Magnificat* (1 Sam **2**, 8; Lc **1**, 52).
**114** *A terra danza*: Canto da terra ao Deus que leva ao seu pobo da servidume á liberdade. Nas versións fai un salmo co seguinte.
**114**, 3 O mar Vermello e mais o Xordán recordados á vez (Sal **66**, 6; Is **44**, 27).
**114**, 8 Alusión aos feitos do deserto (Éx **17**, 5-7; Núm **20**, 7ss; Sal **107**, 35).

# SALMO **115 (113b)**

## Deus e os ídolos

1 Non a nós, Señor, non a nós,
senón ao teu nome dálle a gloria,
polo teu amor e a túa fidelidade.

2 Por que han dicir as xentes?:
"Onde está o seu Deus?".
3 O noso Deus está no ceo
e fai todo canto se propón.

4 Os seus ídolos son prata e ouro,
feitura das mans dos homes.
5 Teñen boca e non falan,
teñen ollos e non ven,
6 teñen orellas e non oen,
teñen nariz e non olen,
7 teñen mans e non apalpan,
teñen pés e non andan,
a súa gorxa non ten voz.
8 Coma eles son os que os fan
e cantos neles confían.

9 Israel confía no Señor:
El é o seu auxilio e o seu escudo.
10 A casa de Aharón confía no Señor:
El é o seu auxilio e o seu escudo;
11 Os amigos do Señor confían no Señor:
El é o seu auxilio e o seu escudo.

12 Que o Señor se lembre de nós e nos bendiga:
bendita a casa de Israel,
bendita a casa de Aharón,
13 benditos os amigos do Señor,
os pequenos e os grandes.
14 Que o Señor vos faga medrar,
a vós e a vosos fillos.
15 Benditos sexades do Señor,
que fixo o ceo e mais a terra.

16 O ceo perténcelle ao Señor,
e a terra déullela aos homes.
17 Os mortos non loan o Señor
nin os que baixan ao silencio.
18 Pero nós bendicimos o Señor,
agora e por sempre.

Aleluia.

**115** *Deus e os ídolos*: Profesión de fe e loanza de Deus que, ao revelarse, ensina que fóra del non hai divindade en que confiar.
**115**, 4ss Loita cos falsos deuses, coma no Segundo Isaías (Is **41**, 21ss; **44**, 9ss).
**115**, 4-13 Reaparece no Sal **135.**
**115**, 17 O silencio dos mortos (Sal **6**, 6; **88**, 6ss; Is **38**, 19s).

# SALMO **116 (114-115)**

## Alzo a copa da salvación

1 Amo o Señor, que escoita
a miña voz suplicante,
2 e pon cara a min o seu oído
no día en que o chamo.

3 Cando me envolven lazos de morte
e as redes do abismo me atrapan;
cando me atopo en aperto e aflición,
4 invoco o nome do Señor:
Ai, Señor, sálvame a vida!

5 O Señor é xusto e clemente,
o noso Deus é compasivo.
6 O Señor garda os humildes:
na miña debilidade hame socorrer.
7 Alma miña, recobra o sosego,
pois o Señor cumpre contigo.

8 Ti libras da morte a miña vida,
os meus ollos das bágoas,
os meus pés da caída.
9 Camiñarei á vista do Señor
na terra da vida.

10 Confío, aínda que diga:
"Eu son un desgraciado".
11 E no meu apuro digo:
"Todo enganos son os homes".

12 Con que lle pagarei ao Señor
todo o ben que me fai?
13 Alzarei a copa da salvación,
invocando o nome do Señor;
14 cumprirei os meus votos ao Señor,
á vista de todo o seu pobo.

15 Moi custosa é aos ollos do Señor
a morte dos seus amigos.
16 Ai, Señor, que eu son o teu servo,
servo teu e fillo da túa serva,
a quen ti rompiches as cadeas!
17 Ofrézoche sacrificios de loanza,
invocando o nome do Señor.
18 Cumprirei os meus votos ao Señor,
á vista de todo o seu pobo,
19 nos adros da casa do Señor,
no medio de ti, Xerusalén,

Aleluia.

**116** *Alzo a copa da salvación*: Grazas ao Deus que libra da morte para outorgar vida verdadeira, bendita, chea de bens. As Versións dividen o salmo en dous.

**116**, 3 Imaxes do perigo de morte (Sal **18**, 5s; Sof **2**, 3).

**116**, 8 Expresión ben coñecida (Sal **27**, 13; **56**, 14; **116**, 9).

## SALMO **117 (116)**

### O amor firme

1 Loade o Señor todas as xentes,
aclamádeo todos os pobos.

2 O seu amor connosco é firme,
a súa fidelidade dura sempre.

Aleluia.

## SALMO **118 (117)**

### Cantares na casa dos xustos

1 Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

2 Que o diga a casa de Israel:
o seu amor é eterno;
3 que o diga a casa de Aharón:
o seu amor é eterno;
4 que o digan os que temen ao Señor:
o seu amor é eterno.

5 Na aflición invoco o Señor
e El escóitame e líbrame.
6 O Señor está comigo: non teño cousa que temer;
que me poden facer os homes?
7 O Señor está comigo, El é quen me axuda:
verei os meus inimigos en desfeita.

8 Mellor é acollerse ao Señor
que fiarse dos homes;
9 mellor é acollerse ao Señor
que fiarse dos grandes.

10 Rodéame un fato de pobos:
no nome do Señor esmagareinos;
11 póñenme cerco e apúranme:
no nome do Señor esmagareinos;
12 envólvenme coma abellas,
quéimanme coma o lume os espiños:
no nome do Señor esmagareinos.
13 Empurran, empurran para tirarme,
pero o Señor é o meu auxilio.
14 O Señor é a miña forza, o meu cantar,
El é a miña salvación.

**117** *O amor firme*: Chamada de todos os pobos á loanza pola fidelidade de Deus ao seu pobo.
**117**, 1 Recordado en Rm **15**, 11.
**117**, 2 *Amor* e *fidelidade* definen a actitude de Deus ante o seu pobo.

**118** *Cantares na casa dos xustos*: Grazas pola liberación, con cantos nas casas dos xustos e na casa do Señor. Remata o "hallel", que comeza no Sal **113**.
**118**, 1ss Coma o Sal **115**, 9-11; **135**, 19s.
**118**, 6 Recordado en Heb **13**, 6.

15 Óense cantares de gozo e de vitoria.
nas moradas dos xustos:
a dereita do Señor é valente,
16 a dereita do Señor é poderosa,
a dereita do Señor é valente.

17 Non hei morrer, vivirei
e cantarei os feitos do Señor.
18 O Señor, certo, castígame,
mais non me entrega á morte.

19 Abrídeme as portas da vitoria:
quero cantar e dar grazas ao Señor.
20 Esta é a porta do Señor:
os xustos entran por ela.
21 Douche as grazas porque me escoitas:
ti es a miña salvación.

22 A pedra que desbotaron os canteiros
convértese en pedra de esquinal.
23 Isto é cousa do Señor,
admirable feito á nosa vista.
24 Este é o día en que obra o Señor:
relouquemos e alegrémonos nel.
25 Ai, Señor, dános a salvación!
Ai, Señor, dános prosperidade!

26 Benditos os que veñen no nome do Señor:
bendicímosvos desde a casa do Señor.
27 O Señor é Deus: El dános a luz.
Ordenade festa con ramos
ata á beira do altar.

28 Meu Deus, douche as grazas,
meu Deus, quero enxalzarte.
29 Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.

## SALMO **119 (118)**

### Andar coa lei de Deus

1 Ditosos os de conduta impecable,
os que andan coa lei do Señor.
2 Ditosos os que observan os seus mandatos
e o buscan de todo corazón;
3 os que non cometen iniquidade,
e van polos seus camiños.

**118**, 22 A *pedra de esquinal* é a máis nobre, aínda que primeiro fose desprezada. Referido a Xesús en Mc **12**, 10; Feit **4**, 11; 1 Pe **2**, 4.
**118**, 25 A exclamación "hosanna", "sálvanos", era usada na liturxia do tempo de Xesús. Referida a el mesmo: Mt **21**, 9; **23**, 39.

**119** *Andar coa lei de Deus*: Poema didáctico, que recomenda o cumprimento fiel da lei de Deus, principio e seguridade da felicidade verdadeira. Lei quere dicir revelación, como fan entender os seus sinónimos e outros salmos parecidos (Sal **119**, 8-15). É o salmo máis longo do salterio, alfabético, con oito versos comezando coa mesma letra do alfabeto.

[4] Ti deches os teus preceptos
para que se cumpran con esmero.
[5] Que a miña conduta sexa firme
en gardar os teus decretos.
[6] Non sufrirei decepción,
se me fixo nos teus ditados.
[7] Loareite con recto corazón,
ao aprender as túas xustas decisións.
[8] Quero cumprir os teus mandatos,
endexamais non me abandones.

[9] Como atinará un mozo no camiño?
Gardando a túa palabra.
[10] Eu búscote de todo corazón,
non me deixes desviar dos teus mandatos.
[11] No meu corazón escondo os teus ditos
para non pecar ante ti.
[12] Bendito es ti, Señor:
ensíname a túa vontade.
[13] Cos meus labios eu anuncio
toda decisión da túa boca.
[14] Na túa revelación teño máis gozo
ca en todas as riquezas.
[15] Medito os teus decretos
e fíxome nos teus vieiros.
[16] Atopo consolo na túa lei
e non esquezo a túa palabra.

[17] Faille ben ao teu servo, para que viva
e garde a túa palabra.

[18] Ábreme os ollos para que vexa
as marabillas da túa lei.
[19] Eu son na terra un forasteiro:
non me escondas os teus mandatos.
[20] A miña alma esmorece,
anhelando sempre as túas decisións.
[21] Ti reprendes os soberbios,
malditos os que se afasten das túas ordes.
[22] Arreda de min aldraxes e desprezos,
pois eu gardo as túas revelacións.
[23] Aínda que os grandes senten a murmurar de min,
o teu servo medita os teus mandatos.
[24] Os teus preceptos son a miña delicia:
eles son os meus conselleiros.

[25] A miña alma está apegada ao po;
aléntame ti coa túa palabra.
[26] Expóñoche os meus camiños, para que ti me respondas
e me ensines os teus preceptos.
[27] Instrúeme nos teus mandatos
e meditarei as túas marabillas.
[28] A miña alma chora entristecida:
confórtame ti coa túa palabra.
[29] Arrédame do camiño enganoso
e dáme a graza da túa instrución.

30 Eu elixo o camiño da verdade
e fago miñas as túas decisións.
31 Apégame ás túas revelacións:
Señor, non me decepciones.
32 Eu corro tras dos teus mandatos,
pois ti ensánchasme o corazón.

33 Móstrame, Señor, a vía dos teus mandatos
e seguireina ata a fin.
34 Dáme entendemento para observar a túa lei
e gardareina de todo corazón.
35 Diríxeme polo vieiro dos teus mandamentos,
pois teño nel o meu contento.
36 Inclina o meu corazón ás túas revelacións
e non á miña comenencia.
37 Arreda da vaidade os meus ollos
e faime vivir no teu camiño.
38 Confírmalle ao teu servo a túa promesa,
a que leva ao teu temor.
39 Tírame do oprobio que temo:
os teus xuízos son amables.
40 Mira como amo os teus mandatos;
faime vivir na túa xustiza.

41 Veña, Señor, a min o teu amor,
o teu socorro, conforme a túa promesa.
42 Eu responderei aos que me inxurian
que confío na túa palabra.
43 Non quites da miña boca a palabra sincera;
eu confío nas túas decisións.
44 Gardarei a túa lei
por sempre, eternamente.
45 Andarei con folgura,
porque busco os teus mandatos.
46 Falarei ante os reis das túas revelacións
e non me avergonzarei.
47 Fólgome cos teus mandatos
e téñolles afecto.
48 Bendigo os teus amados mandamentos
e medito na túa lei.

49 Lembra a túa promesa ao teu servo,
na que fixeches que esperase.
50 Este é o meu conforto na aflición:
que a túa palabra me dá vida.
51 Os soberbios búrlanse de min,
mais eu non me arredo da túa lei.
52 Recordo as túas decisións doutros tempos
e consólome, Señor.
53 Sinto indignación contra os malvados
que abandonan a túa lei.
54 Os teus preceptos son o meu cantar
no lugar da miña peregrinación.
55 De noite, Señor, recordo o teu nome
e fágolle a garda á túa lei.
56 Isto é o meu: observar os teus mandatos.

57 A miña sorte é o Señor:
eu propoño observar a túa palabra.
58 De todo corazón busco a túa presenza:
apiádate de min, conforme a túa promesa.
59 Examino os meus camiños
e volvo cara a túa revelación os meus pasos.
60 Dilixente, non demoro
cumprir os teus preceptos.
61 Cínguenme os lazos dos malvados,
pero eu non esquezo a túa lei.
62 Érgome á media noite para loarte
polas túas xustas decisións.
63 Son amigo dos que te temen
e gardan os teus mandatos.
64 Do teu amor, Señor, está a terra chea:
móstrame os teus estatutos.

65 Ti dáslle bens ao teu servo,
Señor, conforme a túa palabra.
66 Dáme bo xuízo e discreción,
pois eu teño fe nos teus preceptos.
67 Antes de coñecer a aflición, eu andaba errado,
pero agora observo os teus ditos.
68 Ti es bo e dás bens: ensíname a túa vontade.
69 Os soberbios aumentan mentiras contra min,
mais eu gardo de corazón os teus preceptos.
70 O seu corazón é craso coma sebo,
para min é delicia a túa lei.
71 Foime boa a aflición,
para aprender os teus mandatos.
72 A túa vontade é para min mellor
ca milleiros de ouro e prata.

73 As túas mans fixéronme e formáronme:
ensíname a coñecer os teus mandatos.
74 Os que te temen verán e alegraranse
de que eu confíe na túa palabra.
75 Eu sei, Señor, que o teu xuízo é xusto
e que tes razón de aflixirme.
76 Que o teu amor me console,
conforme llo prometiches ao teu servo.
77 Que a túa piedade veña a min e vivirei;
a túa lei é a miña alegría.
78 Que se vexan confusos os soberbios que me aflixen sen razón;
eu medito os teus preceptos.
79 Que volvan onda min os que te temen
e os que coñecen a túa revelación.
80 Que o meu corazón sexa perfecto nas túas normas,
para que non sufra decepción.

81 A miña alma eslumece pola túa salvación,
eu confío na túa palabra.
82 Os meus ollos devecen pola túa promesa
e din: "Cando me consolarás?".
83 Aínda que estou coma pelica afumada,
non esquezo as túas normas.

84 Canto contan os días do teu servo?
Cando ditarás sentenza contra os meus perseguidores?
85 Os soberbios cávanme foxas,
desprezando a túa lei.
86 Os teus mandatos son firmes;
axúdame, que me aburan sen razón.
87 Por pouco non me borran da terra,
pero eu non deixo as túas normas.
88 Polo teu amor, fai que viva
e gardarei a revelación da túa boca.

89 A túa palabra, Señor, é eterna,
firme coma o ceo.
90 A túa verdade mantense polas xeracións,
ti fundaches a terra e permanece.
91 A túa decisión todo o sostén ata hoxe,
e todo está ao teu servizo.
92 Se non tivese as delicias na túa lei,
xa tería perecido na miseria.
93 Non esquecerei xamais os teus preceptos,
pois dásme a vida por eles.
94 Eu son teu, sálvame ti;
eu esculco os teus mandatos.
95 Os malvados axexan para perderme,
mais eu estou atento á túa revelación.
96 A toda perfección lle atopo un límite,
mais o teu mandamento non ten fin.

97 Canto amo eu a túa lei!
Medito nela o día enteiro.
98 Os teus preceptos fanme máis cordo ca os inimigos,
pois están sempre comigo.
99 Avantaxo en sabedoría aos meus mestres,
porque medito na túa revelación.
100 Son máis asisado ca os vellos,
porque cumpro os teus preceptos.
101 De todo mal camiño arredo os pés,
observando a túa palabra.
102 Non disinto das túas decisións,
porque ti es quen me ensina.
103 Que doce é ao meu padal a túa palabra!
Máis doce ca o mel na miña boca.

104 Os teus mandamentos fanme prudente,
por iso aborrezo o vieiro enganoso.

105 A túa palabra é o faro dos meus pés,
a luz do meu camiño.
106 Xurei e cumprireino:
observar as túas xustas decisións.
107 As miñas coitas son moi grandes;
dáme vida, Señor, conforme a túa promesa.
108 Acepta, Señor, os meus votos
e ensíname as túas decisións.

109 A miña vida está decote exposta,
pero eu non esquezo a túa lei.
110 Os malvados póñenme trampas,
mais eu non me desvío das túas normas.
111 A túa revelación é a miña herdanza duradeira,
o gozo do meu corazón.
112 Poño atención en gardar os teus preceptos,
por sempre e cumpridamente.

113 Eu aborrezo os hipócritas
e teño afecto á túa lei.
114 Ti es o meu refuxio, o meu escudo:
eu confío na túa palabra.
115 Arredádevos de min, malfeitores,
eu quero cumprir as normas do meu Deus.
116 Sostenme ti, conforme a túa promesa, e vivirei,
non decepciones a miña esperanza.
117 Protéxeme e serei salvo;
estarei sempre atento aos teus mandatos.
118 Ti rexeitas os que abandonan as túas normas;
a súa retranca é enganosa.
119 Coma lixo removes os malvados,
por iso eu amo a túa revelación.
120 O meu corpo treme ante ti
e venero as túas decisións.

121 Eu practico o dereito e a xustiza;
non me entregues aos opresores.
122 Responde polo teu servo,
que non me asoballen os soberbios.
123 Os meus ollos devecen pola túa axuda
e pola túa palabra xusta.
124 Trata o teu servo conforme o teu amor,
ensíname os teus mandamentos.
125 Eu son o teu servo: dáme intelixencia
para coñecer a túa revelación.
126 É hora de que actúes, Señor,
pois violan a túa lei.
127 Eu amo os teus mandamentos
por riba do ouro máis puro.
128 Guíome polas túas normas
e aborrezo o camiño da mentira.

129 A túa revelación é admirable,
por iso eu a observo.
130 A ensinanza da túa palabra reloce,
fai sabios os ignorantes.
131 Eu abro a boca e collo alento,
anhelando as túas normas.
132 Vólvete cara a min e apiádate,
como fas cos que aman o teu nome.
133 Afirma os meus pasos nos teus ditos
e que a iniquidade non me asoballe.

**119**, 109 Vida exposta, literalmente na man, en perigo de morte (Xuí **12**, 3; 1 Sam **19**, 5; Xob **13**, 14).

134 Rescátame da opresión dos homes
e gardarei os teus preceptos.
135 Fai brillar ante o teu servo a túa presenza
e ensíname os teus mandatos.
136 Regatos de auga corren dos meus ollos,
polos que non gardan a túa lei.

137 Ti es xusto, Señor, e as túas decisións, rectas.
138 Os teus mandatos son xustos,
cumpridamente verdadeiros.
139 Consómeme o celo,
ao ver que o inimigo se esquece dos teus ditos.
140 Os teus ditos son ben probados
e o teu servo tenlles afecto.
141 Pouca cousa son eu e desprezable,
mais dos teus preceptos non me esquezo.
142 A túa xustiza é eterna; a túa lei, verdadeira.
143 Angustias e coitas dan en min,
mais os teus mandatos son a miña alegría.
144 A túa revelación é sempre xusta:
ensíname ti e vivirei.

145 Chámote de todo corazón.
Respóndeme, Señor: eu cumprirei as túas normas
146 Chámote a ti. Socórreme:
eu observarei a túa revelación.
147 Érgome ao abrente pedindo a túa axuda;
eu confío na túa palabra.
148 Os meus ollos adiantan as vixilias da noite,
para meditar nos teus ditos.
149 Escoita a miña voz, segundo o teu amor,
dáme vida, Señor, conforme a túa decisión.
150 Aproxímanse os que me perseguen con maldade,
os que se afastan da túa lei.
151 Ti estás preto, Señor,
e os teus preceptos son firmes.
152 Hai tempo que coñezo a túa revelación;
ti asentáchela por sempre.

153 Olla a miña dor e líbrame,
pois non me esquezo da túa lei.
154 Defende a miña causa e rescátame,
dáme vida, conforme a túa promesa.
155 A salvación está moi lonxe dos malvados
que non estudan os teus preceptos.
156 Grande é, Señor, a túa misericordia;
dáme vida, conforme a túa decisión.
157 Moitos son os meus perseguidores e opresores,
mais da túa revelación non me arredo.
158 Vexo os traidores e sinto noxo
de que non teñan en conta os teus ditos.
159 Mira que eu amo os teus decretos;
dáme vida, Señor, conforme o teu amor.
160 O principio da túa palabra é a verdade,
as túas xustas decisións son eternas.

161 Os poderosos perséguenme sen causa,
pero o meu corazón respecta a túa palabra.
162 Teño na túa promesa maior ledicia
que a do que atopa un gran tesouro.
163 Aborrezo, detesto a mentira
e téñolle afecto á túa lei.
164 Lóote sete veces ao día,
polas túas xustas decisións.
165 Para os que aman a túa lei é todo paz,
non hai para eles tropezo.
166 Eu agardo, Señor, o teu socorro,
mentres cumpro os teus mandatos.
167 Observo a túa revelación
e téñolle moito afecto.
168 Gardo as túas normas e a túa revelación,
todos os meus camiños están diante de ti.

169 Chegue ata ti, Señor, a miña queixa,
dáme sabedoría conforme a túa palabra.
170 Entre na túa presenza a miña súplica,
sálvame segundo a túa promesa.
171 Os meus labios publicarán a túa loanza,
pois ti ensínasme os teus preceptos.
172 A miña lingua pregoará a túa palabra,
pois os teus decretos son xustos.
173 Socórreme coa túa man,
pois eu escollo as túas normas.
174 Eu arelo, Señor, a túa salvación,
a túa lei é a miña delicia.
175 Que eu viva para loarte
e que me axuden as túas decisións.
176 Ando errante coma ovella descarreirada:
terma ti do teu servo,
pois eu non esquezo os teus mandatos.

## SALMO **120 (119)**

### Falas mentireiras

1 *Cántiga das subidas.*

Eu clamo ao Señor na miña angustia,
e El dáme resposta.
2 Salva, Señor, a miña vida
de falas mentireiras,
de linguas enganosas.

3 Con que se vos podería pagar de abondo,
linguas enganosas?
4 Con afiadas frechas de guerreiro
e con ascuas de xesta.

**119**, 164 *Sete* quere dicir moitas veces (Sal **12**, 7; **79**, 12).
**119**, 176 *A ovella descarreirada* (Is **53**, 6; Xer **50**, 6. 17; Ez **34**, 16; Mt **9**, 36).
**120** *Falas mentireiras*: Deprecación para ser librado das murmuracións e mentiras, que non deixan vivir en paz.
**120**, 2 Tema que se repite nos salmos (Sal **12**, 3; **31**, 19; **52**, 4; **109**, 2s).
**120**, 3 *Pagar de abondo*, literalmente dar e engadir (1 Sam **3**, 17; **14**, 44).

5 Ai de min, estranxeiro en Méxec,
de pousada nas tendas de Quedar!
6 Tempo de máis levo vivindo
cos que aborrecen a paz.
7 Mentres eu falo de paz,
eles andan de guerra.

## SALMO **121 (120)**

### O teu gardián non dorme

1 *Cántiga das subidas.*

Alzo os meus ollos cara aos montes:
de onde virá o meu socorro?
2 O meu socorro vén do Señor,
que fixo o ceo e mais a terra.

3 El non deixa que esvare o teu pé,
o teu gardián non dorme;
4 non dorme nin adormece
o gardián de Israel.

5 O Señor é o teu gardián,
o teu arrimo, sempre á túa dereita.
6 O sol non che fará mal polo día
nin a lúa pola noite.

7 O Señor gárdate do mal,
El garda a túa vida.
8 O Señor garda as túas idas e voltas,
agora e por sempre.

## SALMO **122 (121)**

### Saúdo a Xerusalén

1 *Cántiga das subidas, de David.*

Alegreime, cando me dixeron:
"Imos para a casa do Señor".
2 Xa están os nosos pés
ás túas portas, Xerusalén,
3 Xerusalén, cidade ben feita,
de compacta harmonía.

4 Alá soben as tribos, as tribos do Señor,
conforme o costume de Israel,
para festexar o nome do Señor.

**120**, 5 Países remotos, que fan imaxinar lugares de desterro.
**120**, 7 *Eu falo de paz* ou en son paz (Sal **109**, 4).
**121** *O teu gardián non dorme*: Confesión da moita confianza que Deus lles merece aos seus amigos.
**121**, 1 As montañas son morada dos deuses; Deus na montaña de Sión (Sal **87**, 1s; **125**, 2; **133**, 3).
**121**, 3 O título *gardián* predomina no salmo (Xén **28**, 15; Dt **32**, 10; Is **27**, 3).
**121**, 6 Eses perigos recordan todos os demais (Xén **31**, 40; 2 Re **4**, 18s; Xon **4**, 8).
**121**, 8 *Idas e voltas*, todos os movementos e accións (Núm **27**, 17; Xos **14**, 11).
**122** *Saúdo a Xerusalén*: Canto á cidade santa, onde Deus se mostra ao seu pobo. Este peregrina cara a ela, buscando xustiza, paz, prosperidade.

5 Alí están os tribunais da xustiza,
a sede da casa de David.

6 Saudade así a Xerusalén:
"Teñan prosperidade os que te queren:
7 que haxa paz nos teus muros
e contento nos teus pazos".

8 Por mor de meus irmáns e compañeiros
direi eu: "A paz contigo";
9 por mor da casa do Señor, o noso Deus,
deséxoche todo ben.

## SALMO **123 (122)**

### Cos ollos cara ao ceo

1 *Cántiga das subidas.*

Cara a ti alzo os meus ollos,
cara a ti que moras no ceo.

2 Coma os ollos do servo no seu señor,
coma os ollos da serva na súa señora,
así están os nosos ollos en ti, Señor, noso Deus,
en tanto El non se apiade de nós.

3 Apiádate de nós, apiádate, Señor,
pois estamos fartos de desprezo:
4 farta está a nosa alma
das burlas dos satisfeitos,
do desprezo dos poderosos.

## SALMO **124 (123)**

### O Señor connosco

1 *Cántiga das subidas, de David.*

Se o Señor non estivese connosco,
que o diga Israel,
2 se o Señor non estivese connosco,
cando se ergueron os homes contra nós,
3 teríannos engulido vivos
no incendio da súa ira;
4 as augas xa nos terían asolagado
e o torrente pasado sobre nós:
5 xa nos terían mergullado
as augas escumantes.

**122**, 5 As sedes da xustiza están onde está o rei, instancia máis alta (Sal **72**, 1s; Dt **17**, 8ss; 2 Sam **15**, 2ss; Xer **21**, 12).
**123** *Cos ollos cara ao ceo*: Profesión de confianza e deprecación da misericordia de Deus para os que sofren desprezo dos soberbios.
**123**, 3 *Fartos*, colmada a capacidade de sufrimentos (Sal **88**, 4; Lam **3**, 15).
**123**, 4 *Satisfeitos* e *poderosos*, o mesmo ca folgados e soberbios (Is **32**, 9. 11).
**124** *O Señor connosco*: Acción de grazas do pobo pola axuda de Deus nas moitas horas de perigo.
**124**, 1 Coma no Sal **129**, 1.
**124**, 4s Imaxes do perigo (Sal **18**, 5; **46**, 4; **69**, 2s; **89**, 10; Xob **38**, 11).

6 Bendito sexa o Señor,
que non nos fixo presa dos seus dentes.
7 A nosa vida é coma o paxaro que se zafa
da trampa do cazador.
Rómpese a trampa, e nós escapamos.

8 O noso socorro está no nome do Señor,
que fixo o ceo e mais a terra.

## SALMO **125 (124)**

### Firmes coma o monte Sión

1 *Cántiga das subidas.*

Os que confían no Señor
son coma o monte Sión, que non se move,
que está asentado para sempre.

2 A Xerusalén rodéana as montañas,
e o Señor rodea o seu pobo,
agora e por sempre.

3 Non se pousará o cetro dos malvados
sobre a sorte dos xustos,
para que estes non tendan
as súas mans á maldade.

4 Failles ben, Señor, aos bos
e aos rectos de corazón.
5 Pero aos que van por vieiros tortos,
que os leve o Señor cos malfeitores.

A paz sobre Israel!

## SALMO **126 (125)**

### Cando vire a sorte

1 *Cántiga das subidas.*

Cando vire o Señor a sorte de Sión
estaremos coma en soños.
2 Teremos a boca chea de risas
e a lingua de cantares.

3 Os pagáns dirán entón:
"O Señor fai con eles cousas grandes".
O Señor fai connosco cousas grandes,
estamos cheos de alegría.

**124**, 7 A figura do cazador para pintar o inimigo (Sal **91**, 3; 1**41**, 10).
**125** *Firmes coma o monte Sión*: Como as montañas que a rodean defenden Xerusalén, dese xeito defende Deus aos xustos. É un poema lírico-didáctico.
**125**, 5 O final coma no Sal **128**, 6. Israel, no sentido da comunidade fiel (Sal **25**, 22; **130**, 7s).
**126** *Cando vire a sorte*: Súplica do pobo pola restauración, que xa se fai imaxinar no renacer da primavera e nos cantos ledos da sega.
**126**, 1 Virar a sorte non se refire só ao desterro, senón a toda situación que agarda unha man salvadora.
**126**, 2 Alegría escatolóxica e mesiánica (Is **9**, 2; **35**, 10; Zac **2**, 14).

4 Vira, Señor, a nosa sorte,
coma os regatos no deserto.
5 Os que entre bágoas sementan,
entre cantares recollen.

6 Cando van, van chorando,
os que levan a semente.
Ao viren, veñen cantando,
os que traen os monllos.

## SALMO **127 (126)**

### O que fai a casa

1 *Cántiga das subidas, de Salomón.*

Se o Señor non fai a casa,
en balde se esforzan os canteiros;
se o Señor non garda a cidade,
en balde vixían as sentinelas.

2 En balde vós madrugades
e tardades en deitarvos:
comedes pan de traballos,
cando El llelo dá aos seus amigos mentres dormen.

3 Os fillos son a herdanza do Señor;
o froito do ventre, o seu xornal.
4 Coma as setas na man do guerreiro,
así os fillos da mocidade.

5 Feliz quen encheu deles a súa alxaba:
non se verá avergonzado cando discuta
cos inimigos na praza.

## SALMO **128 (127)**

### Os fillos, gromos de oliveira

1 *Cántiga das subidas.*

Ditosos os que temen o Señor
e van polos seus camiños.
2 Cando comes do froito das túas mans,
ditoso ti e afortunado.

3 A túa muller é coma parra fecunda
no medio da túa casa;
os teus fillos, coma gromos de oliveira
arredor da túa mesa.

**127** *O que fai a casa*: Poema didáctico sobre a providencia de Deus, que fecunda os froitos dos afáns e dos traballos dos homes.
**127**, 3 *Os fillos* son sinal de bendición (Sal **128**, 3; Pr **17**, 6).
**127**, 5 As portas da cidade é onde se resolven os problemas que enfrontan aos homes uns cos outros (2 Sam **15**, 2; Sal **69**, 13; Pr **31**, 23. 31).

**128** *Os fillos, gromos de oliveira*: Poema didáctico cunha felicitación para os amigos do Señor. A felicidade que gozan, a familia, a prosperidade e os bens, son para eles sinal da bendición de Deus.
**128**, 3 Prosperidade (Sal **52**, 10; **112**, 3; **127**, 3; Xer **11**, 16).

4 Así é bendito
quen teme o Señor.

5 Bendígate o Señor desde Sión:
que vexas na prosperidade a Xerusalén
todos os días da túa vida,
6 e que vexas os fillos de teus fillos.

A paz sobre Israel!

## SALMO **129 (128)**

### Suco no lombo

1 *Cántiga das subidas.*

Abondo me combateron desde a mocidade
pode dicir Israel,
2 abondo me combateron desde a mocidade
pero non puideron comigo.

3 Riba do meu lombo araron os aradores,
abriron longos sucos.
4 Pero o Señor é xusto
e rompe as correas dos malvados.

5 Avergonzados, hanse marchar
todos os que renegan de Sión.
6 Serán coma herba dos tellados,
que seca antes da sega.

7 Con ela non enche a man o segador,
nin fai brazada quen ata os feixes.
8 Nin os que pasan saudarán:
"A bendición do Señor sobre vós,
bendicímosvos no nome do Señor".

## SALMO **130 (129)**

### Desde os abismos

1 *Cántiga das subidas.*

Desde os abismos chámote, Señor;
2 escoita, Señor, a miña voz.
Ten atentos os oídos
ao clamor da miña súplica.

3 Se ti levas conta dos pecados,
quen, Señor, se terá en pé?

**128**, 5 A morada de Deus, fonte de bendición (Sal **20**, 3; **134**, 3).
**128**, 6 Lonxevidade (Xén **50**, 23; Xob **42**, 16; Pr **17**, 6).
**129** *Suco no lombo*: Grazas do pobo pola providencia que o salvou nos moitos sufrimentos.
**129**, 8 A fórmula do saúdo (Sal **118**, 26; Rut **2**, 4).
**130** *Desde os abismos*: Demanda con pesadume de perdón dos pecados. A arela de redención sobreponse aquí a calquera outro sentimento.
**130**, 1 *Abismos*, a fosa, o perigo, a morte ameazante (Sal **69**, 3. 15; Lam **3**, 55; Xon **2**, 3).
**130**, 3 Ninguén é xusto perante Deus (Sal **51**, 7; **143**, 2; Xob **14**, 4).

4 Mais en ti está o perdón,
para te faceres respectar.

5 Eu espero no Señor: a miña alma espera,
eu confío na súa palabra;
6 a miña alma vólvese ao Señor,
máis do que os vixías á aurora.
Se os vixías esperan a aurora,
7 que Israel espere o Señor,
pois no Señor está o amor
e a redención cumprida.

8 El é quen redime a Israel
de todos os pecados.

## SALMO **131 (130)**

### Ansias acaladas

1 *Cántiga das subidas, de David.*

O meu corazón, Señor, non é soberbio
nin os meus ollos altivos.
Non persigo grandeza
nin marabillas que me exceden.
2 Eu acalmo e acalo a miña ansia,
coma un meniño no colo da súa nai;
coma nun meniño está en min a miña ansia.

3 Espera, Israel, no Señor,
desde agora e para sempre.

## SALMO **132 (131)**

### Elección de David e de Sión

1 *Cántiga das subidas.*

Señor, tenlle en conta a David
as súas moitas aflicións,
2 cando xurou ao Señor
e fixo este voto ao Deus de Xacob:

3 "Non entrarei na miña casa
nin subirei ao leito do repouso,
4 non concederei sono aos meus ollos
nin acougo ás miñas pálpebras,
5 ata lle atopar sitio ao Señor,
morada ao Deus de Xacob".

**131** *Ansias acaladas*: Profesión da confianza e cumprida felicidade do que se abandona nas mans de Deus, coma un meniño no colo da súa nai.
**131**, 1 O mesmo en forma de consello e máis de vagar, en Eclo **3**, 17-24.
**131**, 3 Coma no Sal **115**, 19ss; **130**, 8.
**132** *Elección de David e de Sión*: Deprecación fundamentada nas promesas de Deus en favor de David e de Sión. Aquel representa ao Mesías; Sión, ao pobo elixido.
**132**, 5 O tema en 2 Sam **7**, 1s.

6 Oímos dela en Efrátah,
atopámola nos campos de Iáar.
7 Entremos na súa morada,
prostrémonos perante o estrado dos seus pés.

8 Érguete, Señor, cara á túa mansión,
ti e mais a Arca da túa maxestade.
9 Que os teus sacerdotes vistan de festa
e os teus devotos relouquen.
10 Por mor do teu servo David,
non desdeñes o teu unxido.
11 O Señor xuroulle a David
promesa da que non renega:
"Prole da túa liñaxe
porei sobre o teu trono.
12 Se teus fillos gardan a miña alianza
e este precepto que lles ensino,
tamén os fillos deles por sempre
sentarán no teu trono".

13 O Señor escolleu a Sión
e quíxoa por morada:
14 "Esta será para sempre a miña casa,
habitarei nela, porque a quero.
15 Bendicirei as súas provisións,
fartarei de pan os seus pobres;
16 vestirei os seus sacerdotes de festa
e reloucarán os seus devotos.

17 Alí farei florecer o vigor de David,
acendereille ao meu unxido unha lámpada.
18 Cubrirei de confusión os inimigos,
mentres brilla sobre el o diadema".

## SALMO **133 (132)**

### Irmáns en unión

1 *Cántiga das subidas, de David.*

Vede que doce e delicioso
o viviren os irmáns en unión.

2 É coma óleo recendente na cabeza
que vai baixando pola barba
a barba de Aharón que lle cae
ata a orla do vestido;
3 é coma orballo do Hermón que baixa
sobre as montañas de Sión.

Alí manda o Señor a bendición,
a vida para sempre.

**132**, 6 Cf 2 Sam **6**, 2.
**132**, 8 Recordo da aclamación, de Núm **10**, 35.
**132**, 17 *Vigor*, literalmente corno, forza (Sal **18**, 3; **75**, 11; **89**, 18. 25). A lámpada simboliza vida longa e descendencia asegurada (1 Re **11**, 36; 2 Re **8**, 19; 2 Cro **21**, 7).

**133** *Irmáns en unión*: Canto á concordia fraterna, fonte de felicidade, lugar de bendición.
**133**, 2 *A barba de Aharón*..., glosa engadida.
O orballo abundante asegura a fertilidade, coma a chuvia (Xén **27**, 28; Dt **33**, 13. 28; Ax **1**, 10).

## SALMO **134 (133)**

### Bendición

1 *Cántiga das subidas.*

Vide, bendicide o Señor:
todos os servidores do Señor.

Os que estades de noite na casa do Señor,
2 alzade as mans cara ao santuario
e bendicide o Señor.
3 Desde Sión te bendiga o Señor
que fixo o ceo e mais a terra.

## SALMO **135 (134)**

### Canto dos elixidos

1 Aleluia.

Loade, servidores do Señor,
loade o nome do Señor,
2 os que estades na casa do Señor,
nos adros da casa do noso Deus.

3 Loade o Señor, que é bo,
cantade o seu nome, que é amable.
4 Elixiu para si a Xacob,
a Israel como posesión de seu.

5 Eu sei que o Señor é grande,
o noso Deus máis ca os deuses todos.
6 O Señor fai canto se propón
no ceo e mais na terra,
nos mares e nos abismos.

7 El fai subir as nubes no horizonte,
solta a chuvia con lóstregos,
saca dos seus depósitos os ventos.

8 El feriu os primoxénitos de Exipto,
o mesmo os dos homes ca os dos gandos.
9 En Exipto fixo sinais e prodixios
contra o faraón e os seus servos.

10 Bateu a moitas nacións
e matou a reis poderosos,

**134** *Bendición*: Loanza e agoiro en forma de bendición, que sobe dos homes cara a Deus e baixa de Deus sobre os homes.
**134**, 2 Alzar as mans, xesto de adoración e de loanza (Sal **28**, 2; **141**, 2).
**134**, 3 Bendición de Deus para os homes (Núm **6**, 24; Sal **115**, 12s; **118**, 26; **128**, 5).

**135** *Canto dos elixidos*: Canto de loanza ao Deus que o seu pobo viu na propia historia como creador e redentor.
**135**, 4 *Posesión*, propiedade particular (Éx **19**, 5s; Dt **7**, 6).
**135**, 6 Señorío de Deus sobre o mundo (Sal **115**, 3).
**135**, 10ss Referencia a Núm **21**, 10-35; tamén no Sal **136**, 17ss.

11 a Sihón, rei dos amorreos,
a Og, rei de Baxán,
a todos os reis de Canaán,
12 e deulle as súas terras en herdanza,
en posesión, ao seu pobo.

13 O teu nome, Señor, é eterno,
o teu recordo vive polas xeracións.
14 O Señor goberna o seu pobo,
ten piedade dos seus servos.

15 Os ídolos dos xentís son prata e ouro,
feitura das mans dos homes.
16 Teñen boca e non falan,
teñen ollos e non ven,
17 teñen orellas e non oen
e non hai alento na súa boca.
18 Coma eles son os que os fan
e cantos neles confían.

19 Casa de Israel, bendice o Señor,
casa de Aharón, bendice o Señor,
20 casa de Leví, bendice o Señor,
amigos do Señor, bendicide o Señor.
21 Bendito o Señor en Sión,
o que habita en Xerusalén.

Aleluia.

## SALMO **136 (135)**

### O seu amor é eterno

1 Loade o Señor porque é bo,
porque o seu amor é eterno.
2 Loade o Deus dos deuses,
porque o seu amor é eterno;
3 loade o Señor dos señores,
porque o seu amor é eterno.

4 Só El fai grandes prodixios,
porque o seu amor é eterno.
5 Fixo os ceos con saber,
porque o seu amor é eterno;
6 asentou a terra sobre as augas,
porque o seu amor é eterno.

7 Fixo luminarias xigantes,
porque o seu amor é eterno;
8 o sol para que rexa o día,
porque o seu amor é eterno;

**135**, 15ss Coma no Sal **115**, 4ss.
**136** *O seu amor é eterno*: Canto ao amor de Deus, razón de todas as súas obras como creador e salvador. O amor escóndese e revélase detrás de cada obra (Sal **106**, 1; **118**, 1-4). **136**, 7ss Alusión á creación dos astros, segundo Xén **1**, 14-18).

9 a lúa e as estrelas para que rexan a noite,
porque o seu amor é eterno.

10 Feriu os primoxénitos de Exipto,
porque o seu amor é eterno;
11 sacou de entre eles a Israel,
porque o seu amor é eterno,
12 con man forte e brazo rexo,
porque o seu amor é eterno.

13 Partiu en dous o mar Vermello,
porque o seu amor é eterno;
14 fixo pasar polo medio a Israel,
porque o seu amor é eterno;
15 alagou no mar Vermello o faraón co seu exército,
porque o seu amor é eterno.
16 Guiou o seu pobo no deserto,
porque o seu amor é eterno;
17 feriu a grandes reis,
porque o seu amor é eterno;
18 matou a reis poderosos,
porque o seu amor é eterno;
19 a Sihón, rei dos amorreos,
porque o seu amor é eterno,
20 a Og, rei de Baxán,
porque o seu amor é eterno.

21 Deulles a súa terra en herdanza,
porque o seu amor é eterno,
22 en herdanza a Israel, o seu servidor,
porque o seu amor é eterno.

23 No noso abatemento acórdase de nós,
porque o seu amor é eterno,
24 e líbranos dos nosos opresores,
porque o seu amor é eterno.
25 Dálle mantenza a todo ser vivo,
porque o seu amor é eterno.

26 Loade o Deus dos deuses,
porque o seu amor é eterno.

## SALMO **137 (136)**

### Á beira dos ríos de Babel

1 Á beira dos ríos de Babel
sentabámonos e chorabamos,
lembrándonos de Sión.

2 Nos salgueiros das ribeiras
penduramos as cítolas,

**136**, 13ss O paso do mar Vermello (Éx 1**4**, 21ss).
**136**, 17ss Feitos da conquista, referidos en Núm **21**, 10-35; Sal **135**, 10-12.

**137** Á beira dos ríos de Babel: Saudade e xuramento de fidelidade á remota, endexamais esquecida, Xerusalén.
**137**, 1 Ríos ou canais en Mesopotamia (Ez **1**, 1; **3**, 15; Esd **8**, 21).

3 pois os nosos carcereiros pedíannos cántigas
e os nosos verdugos himnos alegres:
"Cantádenos cántigas de Sión".

4 Como cantar un cántico do Señor
estando en terra allea?
5 Se me esquecese de ti, Xerusalén,
que seque a miña man dereita;
6 que se apegue a miña lingua ao padal,
se deixo de pensar en ti,
se non poño a Xerusalén
por riba de toda ledicia.

7 Tómalles contas, Señor, aos edomitas
do día de Xerusalén,
cando dicían: "Arrasádea, arrasádea,
ata os alicerces".
8 Babilonia destrutora,
bendito quen che pague
co mal que nos fixeches;
9 bendito quen colla os teus pícaros
e os estrele contra as pedras.

## SALMO **138 (137)**

### Obra das túas mans

1 *De David.*

Douche as grazas, Señor, de todo corazón,
cántoche diante dos anxos;
2 próstrome cara ao teu templo
e bendigo o teu nome,
polo teu amor e a túa fidelidade.
Mesmo máis grande que a túa sona
fixeches a túa promesa.
3 Cando te chamo, ti respóndesme
e acrecentas as miñas forzas.

4 Daranche as grazas, Señor,
todos os reis da terra,
cando oian os ditos da túa boca.
5 Cantarán os camiños do Señor,
pois grande é a gloria do Señor.

6 Abofé, o Señor é excelso:
pon a súa atención nos humildes
e coñece os soberbios desde lonxe.

7 Cando me vexo en perigo,
ti consérvasme a vida.
Contra o furor dos meus inimigos

**137**, 3 As *cántigas de Sión*: coma Sal **46**, **48**, **76**, **87**.
**137**, 5 Ou tamén: "Que sexa esquecida".
**137**, 7 *O día de Xerusalén*, da súa destrución no 586 a. C.
**138** *Obra das túas mans*: Acción de grazas dun pobre ao Deus do mundo enteiro, polo socorro na aflición.
**138**, 1 *Anxos*, mellor *deuses*, as divinizacións feitas polas xentes (Sal **58**, 2; **82**, 1).
**138**, 3 *Acrecentas*, coas Versións.
**138**, 7 Conservar a vida, defendela e tamén darlle sentido (Sal **33**, 19; **41**, 3).

estendes a túa man,
a túa dereita libérame:
[8] o Señor leva ata o final a miña causa.

O teu amor, Señor, é eterno;
non abandones as obras das túas mans.

## SALMO **139 (138)**

### Omnipresencia

[1] *Do mestre do coro. De David, salmo.*

Señor, ti escúlcasme a fondo e coñécesme ben,
[2] ti sabes cando sento e me levanto,
penetras nos meus pensamentos desde lonxe.
[3] Ti distingues cando me movo e cando estou quedo
e os meus camiños sonche todos familiares.
[4] Aínda non está na miña lingua a palabra
e xa ti, Señor, a coñeces enteira.
[5] Envólvesme por detrás e por diante,
e sobre min tes posta a túa man.
[6] Admirable por demais me resulta este saber,
tan alto que non o alcanzo.

[7] Onde me podería arredar do teu alento?
A onde fuxir da túa ira?
[8] Se subo ao ceo, alí estás;
se baixo ao abismo, estás presente.
[9] Se me ergo nas ás da aurora
e emigro ao extremo dos mares,
[10] ata alí me leva a túa man
e me colle a túa dereita.
[11] Se digo: "Que polo menos me encubran as tebras
e a luz ao meu arredor se faga noite",
[12] as mesmas tebras non son para ti escuras
e a noite éche clara coma o día:
tanto che ten a luz coma as tebras.

[13] Ti formaches as miñas entrañas,
tecíchesme no seo da miña nai.
[14] Lóote polo prodixio que hai en min:
as túas obras son marabillosas.

Ti coñeces a fondo o meu espírito;
[15] non che estaba oculta a miña esencia,
cando no segredo era formado,
tecido no fondo da terra.
[16] O meu embrión víano os teus ollos,
e escribíanse xa no teu libro
os días todos que habían vir,
sen que existise aínda o primeiro.

**139** *Omnipresencia*: Loanza ao Deus que o coñece todo, que está en todos os lugares e que o pode todo.
**139**, 1ss Deus coñece todo (Xer **12**, 3; Xob **23**, 10; Sal **11**, 4s; **138**, 6).
**139**, 7ss Deus en todo lugar (Am **9**, 2ss; Xob **23**, 8s).
**139**, 13 Deus crea as cousas desde a súa raíz (Xer **1**, 5; Is **44**, 2. 24; **46**, 3).

17 Que preciosos atopo, Deus, os teus proxectos!
Que grande o seu conxunto!
18 Se os quixese contar, son máis do que a area,
se chegase ata a fin, quedarías ti aínda.

19 Se bateses, Deus, nos malvados,
se arredasen de min os sanguinarios!
20 Arrepóñense contra ti arteiramente
e mencionan en van os teus proxectos.
21 Non hei de odiar os que te odian,
aborrecer os que se erguen contra ti?
22 Ódioos con odio cumprido
e téñoos por inimigos meus.

23 Examíname a fondo, Deus: coñece o meu corazón;
próbame, e coñece os meus sentimentos.
24 Olla se é torto o meu camiño,
guíame ti polo camiño eterno.

## SALMO **140 (139)**

### Líbrame do home malo

1 *Do mestre do coro. Salmo, de David.*

2 Líbrame, Señor, do home malo,
gárdame do home violento.
3 Matinan maldade no corazón
e promoven contendas todo o día.
4 Afían, coma a serpe, as súas linguas,
con veleno de áspide nos labios.

5 Deféndeme, Señor, do poder dos malvados,
gárdame dos homes violentos
que traman facerme caer.
6 Os soberbios téndenme lazos,
esconden cordas e rede,
póñenme trampas á beira do camiño.

7 Eu dígolle ao Señor: "Ti es o meu Deus,
escoita, Señor, a miña súplica".
8 Señor, o meu dono, o meu poderoso salvador,
o que no día da loita me cobre a cabeza;
9 non consintas, Señor, o antollo dos malvados,
non favorezas os seus proxectos e que triunfen.

10 A cabeza dos que me aburan
que a cubran as intrigas dos seus labios;
11 que chova carbóns acesos sobre eles,
que os boten en foxas das que non poidan levantarse.
12 Que non asenten na terra as malas linguas,
que a desgraza sorprenda os violentos.

**140** *Líbrame do home malo*: Petición da xustiza de Deus contra a inxustiza dos homes.

**140**, 4 A calumnia (Sal **12**, 3s; **58**, 5; Rm **3**, 13).

13 Eu sei que o Señor lles fará xustiza aos pobres
e lles dará o seu dereito aos aflixidos.
14 Os xustos loarán, de certo, o seu nome;
os rectos habitarán na túa presenza.

## SALMO **141 (140)**

### Pon garda na miña boca

1 *Salmo, de David.*

Señor, estoute a chamar: ven axiña;
escoita, cando te chamo.
2 Suba a miña oración coma o incenso ante ti,
as miñas mans alzadas, coma a ofrenda da tarde.

3 Pon garda, Señor, na miña boca,
vixilancia na porta dos meus labios.
4 Non deixes declinar o meu corazón cara á maldade
e que cometa delitos;
nin cara aos malfeitores,
e que coma dos seus banquetes.

5 Que os xustos me castiguen e que os bos me reprendan,
pero que o óleo dos malvados non unxa a miña testa:
eu seguirei pregando contra a súa maldade.

6 Precipitan nos penedos os seus xuíces
e escoitan por burla as miñas palabras.
7 Coma a terra sucada e arregañada,
así están espallados os nosos ósos
pola boca do abismo.

8 Pero os meus ollos, Señor, vólvense cara a ti:
a ti me acollo, non me deixes.
9 Gárdame do lazo que me tenden,
da trampa dos malfeitores.
10 Caian nas súas mesmas redes os malvados,
mentres eu logro salvarme.

## SALMO **142 (141)**

### Ti coñeces os meus vieiros

1 *Maskil, de David. Cando estaba na caverna. Pregaria.*

2 Clamo a voces polo Señor,
cara ao Señor eu suplico;
3 verto diante del a miña queixa,
conto diante del a miña mágoa.

**140**, 14 A presenza de Deus nas súas mediacións, coma o templo (Sal **11**, 7; **16**, 11; **23**, 6; **61**, 8).
**141** *Pon garda na miña boca*: Súplica para que Deus libre do mal e das trapelas tentadoras dos malvados.
**141**, 2 Alzar as mans, movemento suplicante (Sal **28**, 2; **134**, 2).
**141**, 5 Texto orixinal difícil. Lemos *bos,* no lugar de "bondades", e *malvados* no de cabeza.
**141**, 6s Texto orixinal tamén escuro.
**142** *Ti coñeces os meus vieiros*: O home na aflición sente a soidade e chama a berros para que Deus o veña salvar.
**142**, 3 Verter a queixa, desafogar as penas (Sal **42**, 5; **62**, 9; **102**, 1).

4 Cando o espírito se me encolle,
ti coñeces os meus vieiros.

No camiño por onde vou
téñenme postas trampas.
5 Miro á dereita para ver,
e non hai un coñecido.
Non teño onde refuxiarme,
non hai quen coide de min.

6 Cara a ti clamo, Señor, e digo:
"Ti es o meu refuxio,
a miña sorte na terra da vida".

7 Atende ao meu clamor,
pois estou esgotado.
Líbrame dos meus perseguidores,
pois son máis fortes ca min.

8 Tírame da prisión
e loarei o teu nome.
En min veranse os xustos coroados,
porque ti cumpres comigo.

## SALMO **143 (142)**

### Por unha terra chá

1 *Salmo, de David.*

Escoita, Señor a miña oración,
pola túa fidelidade, atende a miña súplica,
respóndeme, pola túa xustiza.
2 Non leves a xuízo o teu servo,
pois ningún home vivo é xusto ante ti.

3 O meu inimigo perségueme de morte,
tripa a miña vida polo chan;
relégame ás tebras,
coma aos xa mortos noutro tempo.
4 O meu espírito encóllese en min,
quédame xeado o corazón.

5 Eu recordo os tempos pasados,
considero os teus feitos
e medito as accións das túas mans.
6 Estendo as mans cara a ti:
coma a terra reseca, a miña alma ten sede de ti.

**142**, 5 *A dereita*, onde debería estar a axuda (Sal **77**, 4; **107**, 5; **143**, 4).
**142**, 6 *Sorte* (Sal **16**, 5; **73**, 26; **119**, 57).
**143** *Por unha terra chá*: Súplica polo perdón e pola axuda de Deus. O defecto de estrutura débese a que o salmo está composto de pezas doutros salmos.
**143**, 2 A universalidade da culpa (Sal **130**, 3; Xob **4**, 17; Rm **3**, 20; Gál **2**, 16).
**143**, 4 Desfalecemento (Sal **61**, 3; **142**, 4; Xob **17**, 1).
**143**, 6 As mans estendidas, suplicantes (Sal **28**, 2; **63**, 5).
**144** *Vitoria e prosperidade*: Súplica pola liberación do poder dos inimigos e pola prosperidade en bens e saúde.

7 Respóndeme axiña, Señor,
que me falta o alento.
Non me escondas a túa cara,
non me asemelle aos que baixan á cova.

8 Faime sentir de mañá o teu favor,
pois eu confío en ti.
Ensíname que camiño collerei,
pois cara a ti alzo a miña alma.

9 Líbrame, Señor, dos meus inimigos,
pois eu acóllome a ti.
10 Apréndeme a facer a túa vontade,
pois ti es o meu Deus.
Que o teu alento bo me guíe
por unha terra chá.
11 Polo teu nome, Señor, consérvame a vida,
pola túa bondade tírame do aperto:
12 pola túa misericordia destrúe os meus inimigos,
extermina aos que de morte me perseguen,
pois eu son o teu servidor.

## SALMO **144 (143)**

### Vitoria e prosperidade

1 *De David.*

Bendito o Señor, a miña rocha,
o que prepara as miñas mans para a loita,
os meus dedos para a contenda.
2 El é para min defensa e fortaleza,
refuxio, escudo e agarimo,
o que somete para min os pobos.

3 Que é, Señor, o home, para que ti te ocupes del,
o fillo do home, para que ti lle fagas caso?
4 O home é coma un sopro;
coma sombra que pasa, son os seus días.

5 Abaixa, Señor, o ceo e descende,
toca os montes e que ardan;
6 fai relustrar e dispérsaos,
lanza as túas setas e confúndeos.

7 Tende a túa man desde a altura,
deféndeme, líbrame das augas,
do poder dos estranxeiros,
8 que falan en van coa boca
e enganan cos seus feitos.

9 Eu cantareiche, Deus, un cantar novo,
tocarei para ti a arpa de dez cordas.

**144**, 1s Títulos do Deus defensor (Sal **18**, 3. 35).
**144**, 3 Inspirado no Sal **8**, 5; Xob **7**, 17s.
**144**, 7 *Augas* caudais e *estranxeiros*, no sentido de perigo e de inimigos (Sal **18**, 17. 45).

10 Ti que dás a vitoria aos reis,
que libraches o teu servo David da crúa espada,
11 deféndeme, líbrame da man dos estranxeiros,
que falan en van coa boca
e enganan cos seus feitos.

12 Que os nosos fillos sexan
coma plantas vizosas na súa mocidade,
e as nosas fillas coma columnas angulares,
talladas para ornato dos pazos.
13 Que os nosos hórreos se enchan
e ateiguen de froitos.
Que os nosos rabaños crezan
por millares nos campos
14 e que os nosos bois cheguen cargados.
Que non haxa invasión nin desterro,
nin alarma nas nosas prazas.
15 Benia o pobo a quen así lle vai,
benia o pobo que ten a Deus por Señor.

## SALMO **145 (144)**

### A fartura de todos os viventes

1 *Himno de loanza, de David.*

Meu Deus e meu rei, quero enxalzarte
e bendicir por sempre o teu nome.
2 Bendicireite o día enteiro,
loarei por sempre o teu nome.

3 Grande é o Señor e digno de loanza,
a súa grandeza é insondable.
4 Unha xeración gáballe a outra os teus feitos
e cóntalle as túas fazañas.

5 Falan da gloria da túa maxestade,
e eu refiro as túas marabillas.
6 Pregoan os teus poderosos escarmentos,
e eu anuncio a túa grandeza.
7 Transmiten a memoria da túa gran bondade
e cantan a túa xustiza.

8 O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en amor.
9 O Señor é bo para todos,
agarimoso con todas as súas obras.

10 Lóente, Señor, as túas obras,
bendígante os teus amigos.
11 Pregoen a gloria do teu reino,
proclamen as túas fazañas.

**144**, 10 Sombra benfeitora de David para todos os descendentes (Sal **18**, 51).
**144**, 12 *Columnas angulares*, como en Zac **9**, 15; Eclo **26**, 17s.

**145** *A fartura de todos os viventes*: Loanza a Deus, señor e rei do universo, xusto, misericordioso e prudente. Coma noutros salmos alfabéticos, os temas axúntase sen verdadeiro nexo.
**145**, 5 *Falan*, no canto de falarei, coas Versións.

12 Ensinen aos homes a túa forza
e a maxestade gloriosa do teu reino.
13 O teu reino é reino eterno,
o teu goberno dura por xeracións.

14 O Señor sostén a todos os que caen
e endereita os que se dobran.
15 Todos os ollos cara a ti agardan
que ti lles deas o sustento ao seu tempo.
16 Abres ti a túa man e dáslle fartura a todo ser vivo.

17 O Señor é xusto nos seus camiños todos,
bo en todos os seus feitos.
18 O Señor está cerca dos que o chaman,
dos que sinceramente o invocan.

19 El cumpre a vontade dos que o temen,
escoita o seu pranto e socórreos.
20 O Señor garda os que o aman,
pero desbota os malvados.
21 A miña boca pregoará as loanzas do Señor
e todos os seres vivos bendicirán o seu nome santo
polos séculos dos séculos.

## SALMO **146 (145)**

### Abre os ollos dos cegos

1 Aleluia.
Loa, miña alma, o Señor.
2 Loarei o Señor, mentres viva;
cantareille ao meu Deus, mentres exista.

3 Non confiedes nos potentes,
humanos que non poden salvar.
4 Vaise deles o alento e retornan á terra,
e con eles esvaecen os seus proxectos.

5 Feliz quen ten no Deus de Xacob a súa axuda,
no Señor, o seu Deus, a súa esperanza.
6 El fixo o ceo e mais a terra,
o mar e todo o que contén.

7 El garda por sempre a súa fidelidade:
failles xustiza aos oprimidos
e dálles pan aos famentos.

O Señor libra os cativos,
8 o Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.

**145**, 13 Citado en Dn **3**, 33; **4**, 31.
**145**, 16 Semella ao Sal **104**, 27s.
**145**, 18 Deus preto dos indixentes (Dt **4**, 7; Sal **34**, 19; **119**, 151).

**146** *Abre os ollos dos cegos*: Grazas ao Deus poderoso que axuda aos indixentes, calquera que sexa o seu mal.
**146**, 3 Denuncia dos poderes que non salvan, falsos deuses (Sal **16**, 3; Xer **17**, 5ss).

9 O Señor protexe os forasteiros,
sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.

10 Reine o Señor por sempre,
o teu Deus, Sión, polas xeracións.

Aleluia.

## SALMO **147 (146 - 147)**

### Marabillosos feitos

1 Loade o Señor,
pois é bo cantarlle ao noso Deus:
a loanza élle debida.

2 O Señor reconstrúe Xerusalén
e reúne os dispersos de Israel.
3 Sana os corazóns quebrados
e venda as súas feridas.

4 Conta as estrelas sen número
e chama a cada unha polo nome.
5 O noso Señor é grande e poderoso,
para a súa sabedoría non hai medida.
6 O Señor ergue os humildes
e abaixa no chan os malvados.

7 Cantádelle ao Señor acción de grazas,
tocádelle a arpa ao noso Deus.
8 El cobre o ceo de nubes
e dispón a chuvia para a terra;
fai saír herba nos montes,
9 dálle ao gando o sustento,
aos pitiños dos corvos o que piden.

10 Non pon a súa compracencia na forza do cabalo
nin nos riles dos homes o seu contento.
11 O Señor pon o seu contento nos que o temen,
nos que confían na súa misericordia.

12 Glorifica o Señor, Xerusalén,
loa o teu Deus, Sión.
13 El reforza os ferrollos das túas portas
e bendice os teus fillos no teu seo.
14 Establece a paz nos teus confíns
e fártate de flor de trigo.

**146**, 9 Os pobres de sempre (Éx **22**, 20s; Dt **10**, 18).
**146**, 10 Reinado de Deus (Éx **15**, 18; Sal **47**, 3. 7; **93**, 1).
**147** *Marabillosos feitos*: Canto dos marabillosos feitos de Deus no mundo e na historia, e da súa providencia para aqueles que o recoñecen.
**147**, 2 Temas da volta do desterro (Is **11**, 12; Xer **31**, 10; Sal **51**, 20).
**147**, 6 Retribución xusta (1 Sam **2**, 7; Sal **18**, 28).
**147**, 12 Aquí comeza nos Setenta e na Vulgata o Sal **147**.

15 El manda á terra a súa mensaxe
e a súa palabra corre lixeira.
16 Produce neve coma la
e espalla xeada coma cinsa;
17 esparexe coma faragullas o carambelo
e de frío xéanse as augas.

18 Manda a súa palabra e derrétense,
sopra co seu alento e corre a auga.

19 El anuncia a Xacob os seus proxectos,
os seus estatutos e mandatos a Israel.
20 Non fai así con outros pobos
que descoñecen as súas decisións.

Aleluia.

## SALMO **148**

### Canto de todas as criaturas

1 Aleluia.
Loade o Señor desde o ceo,
loádeo alá nas alturas.
2 Loádeo os seus anxos,
loádeo os seus exércitos.
3 Loádeo, sol e mais lúa,
loádeo, lucentes estrelas.
4 Loádeo os ceos dos ceos
e as augas dos espazos celestes.

5 Loen o nome do Señor,
pois mandouno El e foron feitos;
6 estableceunos para sempre
e deulles leis que non fallan.

7 Loade o Señor desde a terra,
monstros e abismos do mar,
8 raios e sarabia, neve e néboa,
furacán que cumpre as súas ordes,
9 montes e todos os outeiros,
árbores froiteiras e mais cedros,
10 feras e gando todo,
réptiles e mais paxaros;
11 os reis e todas as nacións,
os príncipes e os xuíces da terra,
12 os mozos e mais as doncelas,
os vellos e mais os neniños.

**147**, 17 Fenómenos tamén observados polo autor de Xob (Xob **6**, 16s; **37**, 6; **38**, 29s).
**148** *Canto de todas as criaturas*: As criaturas todas do ceo e da terra son chamadas polo seu nome, para loaren xuntas, nun coro, ao creador.
**148**, 2 *Exércitos*, paralelo de anxos, son os astros, mensaxeiros do creador (Sal **103**, 20s; Xob **38**, 7).
**148**, 10 Os animais creados (Xén **1**, 20s. 24s; Is **43**, 20).

13 Loen o nome do Señor,
pois só o seu nome é excelso,
a súa maxestade cobre a terra e mais o ceo.

14 El ergue a cabeza do seu pobo,
loanza de todos os xustos,
dos fillos de Israel, os seus achegados.

Aleluia.

## SALMO **149**

### Cantos do pobo de Sión

1 Aleluia.

Cantádelle ao Señor un cántico novo,
loádeo na asemblea dos xustos.
2 Alégrese Israel co seu facedor
e os fillos de Sión relouquen co seu rei.

3 Festexen coa danza o seu nome,
cántenlle con pandeiros e arpas,
4 porque o Señor ama o seu pobo
e coroa os humildes coa vitoria.

5 Exulten os xustos no triunfo
e canten xubilosos nos seus postos,
6 coa loanza de Deus nas gargantas
e a espada de dobre fío na súa man.

7 Farán vinganza entre as xentes
e escarmentos nas nacións;
8 atarán con cordas os seus reis
e con cadeas os seus nobres:
9 cumprir neles a sentencia ditada,
será un honor para os seus amigos.

Aleluia.

**148**, 14 Erguer a cabeza ou o corno, triunfar (1 Sam **2**, 10; Sal **75**, 6. 11; **89**, 18).
**149** *Cantos do pobo de Sión*: Loanza de Israel a Deus, o seu creador. A vitoria do seu pobo revélao a el dono do mundo.
**149**, 6 Loanza e espada xuntas, coma en 2 Mac **15**, 26s.
**149**, 7 Sometemento das nacións (Sal **2**; Is **45**, 14).
**149**, 9 A sentenza dos profetas contra os xentís, os inimigos do pobo de Deus (Dt **32**, 41s; Xer **25**, 15ss; Ez **39**, 10; Zac **14**, 3. 12s).

# SALMO **150**

## Aleluia

[1] Aleluia.

Loade o Señor no santuario,
loádeo no seu augusto firmamento.
[2] Loádeo polas obras poderosas,
loádeo pola súa inmensa grandeza.

[3] Loádeo con sons de trompeta,
loádeo con arpa e con cítara,
[4] loádeo con pandeiro e con danza,
loádeo con trompas e frauta,
[5] loádeo con címbalos resoantes,
loádeo con címbalos xubilosos.

[6] Todo ser que respira loe o Señor.

Aleluia.

**150** *Aleluia*: Paráfrase da exclamación aleluia: loade ao Señor. Ao mesmo tempo é unha doxoloxía que cerra o libro dos salmos.

**150**, 1 Trátase do santuario cósmico (1 Re **8**, 27; Sal **11**, 4; **20**, 7; **29**, 9).

# INTRODUCIÓN AO LIBRO DOS PROVERBIOS

## 1. Os ditos da liturxia e da vida do pobo de Israel

*O dito popular, a sabenza, o refrán, son a manifestación densa e requintada dunha experiencia, un sentimento, unha vontade decidida, afirmada e aceptada por toda unha comunidade humana. Cada refrán supón o milagre da descuberta das palabras xustas nas que formular para sempre. Por baixo deles, ademais, latexa unha realidade de meirande porte: é o modo e a intención de captar unha normativa valedoira nos procesos enguedellados da natureza e das relacións humanas, unha procura de verdade e de xustiza, un desvelar o misterio.*

*Israel en canto pobo (do mesmo xeito ca os seus veciños do Antigo Oriente) non foi alleo a este tipo de creatividade: agás os ditos xurídicos, cúlticos e proféticos, a vida cotiá do hebreo, coas súas constantes cíclicas e os seus momentos estelares, legounos unha chea de cristalizacións anónimas, feituras do pobo, onde amosan a ledicia polos fillos ou as vodas (Xén* ***2****, 23; **4****, 1; **24****, 60; Sal* ***127****, 3; Is* ***9****, 5), a exclamación fachendosa ou guerreira (Xén* ***4****, 23ss; Ex* ***17****, 6; 1 Sam* ***14****, 12), comprobacións da marcha normal das cousas (1 Re* ***20****, 11) ou da inxustiza da vida (Ez* ***18****, 2), comparanzas obvias (Xuí* ***8****, 21) ou pequenas fábulas de sinxela comprensión (Xuí* ***9****, 8ss).*

## 2. O paralelismo e outras figuras de tipo literario

*No mundo israelita o fenómeno proverbial acadou un feitío propio e unha meirande dignidade co gallo do seu emprego explícito para fins didácticos. O "maxal" (refrán, proverbio), dito rimado, sometido á lei do paralelismo, que xoga coa posta en relevo de polo menos dous aspectos dunha mesma realidade (sinónimo, cando o segundo verso confirma a idea: Pr* ***16****, 11;* ***18****, 5; antitético, cando contrapón outra reflexión: Pr* ***11****, 12-17; sintético, cando amplifica ou especializa o afirmado no verso primeiro: Pr* ***17****, 2;* ***18****, 21), pasou a ser o vehículo de transmisión do saber e da moralidade. Como tal, era o instrumento base do ensino tradicional, que se centraba na colección de series deles arredor dun concepto de utilidade pedagóxica, e na súa aprendizaxe e explicación ulterior. O "maxal", formulado deste xeito, perde o seu frescor concreto e directo, para adoptar as calidades de pensamento máis abstracto, forma externa barroca e dicción para a memorización, que servirán para as metas dos escolantes.*

*O libro presente, titulado "Mixle Xelomoh" (*Proverbios de Salomón*), contén unha primeira escolma antolóxica de materiais do tipo referido, aos que se xuntan outros xéneros característicos da escola sapiencial: a amoestación (cf Pr* ***24****, 13ss),os ditos numéricos (cf Pr* ***30****, 18ss), as instrucións (frecuentes nos cc.* ***1-9****; cf* ***1****, 8-19), os poemas de autopresentación (cf Pr* ***8****), etc., que imos ir detectando en particular nos comentarios.*

## 3. Un libro que agrupa os diversos ditos

*O volume, de seu, é unha obra xurdida por acrecentamento progresivo de coleccións, de estilos e épocas diversas. Este feito patentízase xa nos diferentes epígrafes ou títulos espallados ao longo dos capítulos (****1****, 1;* ***10****, 1;* ***22****, 17;* ***24****, 23;* ***25****, 1;* ***30****, 1;* ***31****, 1). A crítica literaria selecciona hoxe, con flutuacións mínimas, as seguintes unidades maiores:*

1. *Capítulos* ***1-9****: Introdución e serie de instrucións e poemas.*

2. *Capítulos* ***10****, 1-****22****, 16: Coleccións de "maxais" tituladas "Proverbios de Salomón".*

3. *Capítulos* ***22****, 17-****24****, 22:"Ditos de Sabios", compostos a partir de materiais tirados de Sabedorías estranxeiras.*

4. *Capítulo* ***24****, 23-34: Tamén estes se atribúen aos Sabios, igualmente de influxo estranxeiro.*

5. *Capítulos* ***25-29****: Colección co título "Proverbios transcritos polos homes de Ezequías".*

6. *Capítulo* ***30****, 1-10 (-14?): "Palabras de Agur", unha instrución ou diálogo amplificado.*

7. *Capítulo* ***30****, 11 (15-?)-33: Proverbios numéricos principalmente.*

8. *Capítulo* ***31****, 1-9:"Palabras de Lemuel", instrución.*

9. *Capítulo* ***31****, 10-31: O poema alfabético da "muller xeitosa".*

## 4. Tempo dos proverbios recollidos no libro

*A pesar da incerteza dunha datación fundada na crítica interna e nos contextos sociolóxicos, pódese aventurar unha crono-*

*loxía aproximada: 1) Unha cerna inicial nas coleccións segunda e quinta, conservadas por separado, posiblemente do século VIII a. C., e dependentes de materiais que poden achegarse aos tempos salomónicos. 2) A colección segunda creceu ao serlle engadida a terceira, que, por supor unha adaptación da Instrución exipcia de Amen-em-ope (datable entre 945 e 745 a. C.), tamén participa dunha grande antigüidade. 3) A colección cuarta sería unida despois, arredor do 700 a. C. 4). A colección quinta, pola súa banda, uníronse, posiblemente antes do exilio, os fragmentos das unidades sexta, sétima, oitava e novena, algúns con materiais moi antigos, se ben a novena coa súa artificiosa construción alfabética pode ser postexílica. A colección primeira é, polo tanto, a máis recente do libro, e foi anteposta ás outras con intención teolóxica, se ben as instrucións que contén poden ser moi primitivas, mesmo do tempo de Salomón, como veremos; a data da súa integración pode oscilar entre 550 e 450 a. C. Con moita probabilidade esta integración coincidiu coa redacción do prólogo (**1**, 2-7) e coa colocación do título xeral (**1**, 1), nos que a intención doutrinal é patente.*

*Unha tal riqueza de xéneros e multiplicidade de datas xustifica o valor desta primeira escolma, en canto representante das etapas feitas polo humanismo sapiencial, que van desde a inxenua afirmación dun mundo bo e xusto onde cadaquén recibe o debido e só os necios perecen (coleccións segunda e quinta), ata as reflexións sobre a orde universal na teoloxía do c. **8**, pasando polo diálogo escéptico das "Palabras de Agur" (**30**, 1ss), parente non distante de Xob no seu talante problematizante.*

## 5. A autoría do libro dos Proverbios

*Os sabios escribas que compuxeron ou escolmaron os materiais, adxudicáronlle a autoría a Salomón nun intento de dignificación da obra, proceder común naqueles tempos, sen dúbida baseados no prestixio do rei douto, do que tiñan testemuño en 1 Re **5**, 9-14 e **10**, 1-10. Iso non sufriu o seu pulo creativo nin o seu aberto internacionalismo (cf colección terceira); mais a súa teima, en definitiva, era de máis fondos raigaños. A carón do intento pedagóxico, onde consello e amoestación se poñen ao servizo dunha autoformación da persoa concreta para ben da comunidade, o fío condutor destes homes seculares e crentes era moi outro. Por baixo de cada feito humano, no fondo de cada fenómeno da natureza, albiscan a presenza do Señor e con El o seu proxecto de "Sédeq" (verdade, orde, xustiza), que quixo impor desde o momento da creación en todas as cousas (cf **8**, 22-31). Os seres todos e os acontecementos, os signos dos tempos e os encontros coas persoas, non son mudos; interpelan a conciencia, son palabra viva de Deus, tanto como a palabra da revelación e da lei. Cómpre ter o oído atento e o "corazón sabio", cómpre ser profundamente humano para escoitar o Señor. De lonxe semella xa chegar ata nós o eco anticipado das grandes síntese xoánicas (Xn 1) e paulinas (Col **1**, 15-20) da recapitulación do mundo todo na Palabra definitiva de Deus, que é Xesús, o Cristo.*

## 6. Preocupacións de tipo ético e moral

*Á beira do camiño dunha lectura repousada, que siga as coleccións unha por unha na súa peculiaridade, atoparemos os temas morais e costumistas das polarizacións sabio-necio, xusto-malvado, riqueza-pobreza, e os motivos da prudencia no falar, a preguiza, o perigo da muller allea, o modelo da muller precavida, os costumes da mesa, etc.: todo canto cumpría á boa crianza do escriba e do israelita novo, circunscrito nun contexto sociolóxico diversificado conforme o medio (rural, cidadán, cortesán, escolar) e axeitado á fin da situación. Asemade seremos testemuñas do alborexar dun recto sentido secular, dun concepto de veracidade non abstracto, senón vinculado á liberación interior e social da persoa, dun primeiro intento de teoloxía fundamental e de teodicea. Aprenderemos a revalorizar a sabedoría do traballador manual e a sabenza do pobo, a recuperar o valor festivo da vida e do concreto, e a ter sempre a comunidade humana e a natureza como campo de descuberta e de esperanza tras do que espreita a eterna orixinalidade dun Deus sempre maior.*

## 7. O texto do libro

*O texto que se traduce é o hebreo, arcaico, poético e conciso, con non poucas dificultades de interpretación, que se tentan resolver coa axuda da filoloxía comparada, baseada no ugarítico sobre todo. A tradución grega dos LXX presenta variantes numerosas e duplicados, así como a transposición de dúas coleccións na orde dos cc. (a cuarta despois da sexta e a quinta despois da oitava), o que supón unha versión libre abondo, nunha época na que o libro aínda non gozaba do sagrado respecto da canonicidade.*

# LIBRO DOS PROVERBIOS

## INTRODUCIÓN AOS PROVERBIOS

**1** [1]Proverbios de Salomón, fillo de David, rei de Israel,
[2]para aprender sabedoría e boas maneiras,
para comprender ditos intelixentes,
[3]para adquirir doutrina asisada,
o dereito, xustiza e boa lei,
[4]para darlle ao inexperto, habilidade,
e ao rapaz novo, ciencia e discernimento;
[5]–o sabio escoita e aumenta o seu saber,
o intelixente adquire a arte de se gobernar–
[6]para dar co sentido dun refrán ou dun dito agudo,
Das sentenzas dos sabios e das adiviñas.
[7]O temor do Señor é o comezo do saber;
só os necios se burlan da sabedoría e da instrución.

## PRIMEIRA COLECCIÓN

### Fuxe dos cobizosos

[8]Filliño, escoita a instrución de teu pai
e non rexeites o ensino de túa nai;
[9]serán un gracioso diadema na túa cabeza
e un colar no teu pescozo.

**1**, 1-7 Introdución: no frontispicio da obra, un título xeral (v. 1), unha declaración da finalidade da escolma (vv. 2-6) e un lema (v. 7) remedian as seccións introdutorias dos grandes tratados sapienciais exipcios.
**1**, 1 *De Salomón*: xa dixemos que se trata dunha adscrición simbólica admitida correntemente na literatura israelita (Eclesiastés, Cantar e Sabedoría repetirán o procedemento). A concretización "de Israel" pode tomarse como indicio dunha edición postexílica, doutra forma diría "rei de Xudá" ou "de Xerusalén": Israel, despois da segregación de Samaria, identificábase xa con Xudá.
**1**, 2-6 Cun período longo, articulado nunha serie de cinco infinitivos coa preposición "para", indícase a meta a conseguir coa lectura do libro. Nestas liñas, cheas de conceptos claves, salientan os obxectivos intelectuais e prácticos do ensino sapiencial e os seus medios de instrución.
**1**, 2 *A sabedoría* ("Hokmah") significa a arte ou habilidade do ben vivir ético e social; "boas maneiras" traduce a verba "Musar", que está por "instrución, disciplina, ensino" e os efectos deles (coma no caso presente), o que vale dicir "educación" no sentido activo e pasivo (cf "seboiet" exipcio ou "paideia" grega). "Aprender", neste contexto, refírese ao xuízo práctico; "comprender" é o mesmo que penetrar ata o fondo das razóns, percibindo co "corazón", sede da conciencia.
A sabedoría "adquírese" de man en man por transmisión dun depósito de verdades (v. 3a), que levan a unha praxe ética, onde imperan o sentido recto das cousas ("sédeq"), a equidade ("mixpat") e a integridade interior ("mexarim") (v. 3b).
Destinatario dun tal ensino é o rapazote, o "inxenuo" ("peti") ou inocente (v. 4), que aínda non ten bo sentido, e pode ser enganado (cf **7**, 7). Ao tal cómpre darlle armas de enxeño e astucia, de saber e discernimento ("mezimmah": capacidade de prever).
**1**, 5 Semella unha interpolación.
**1**, 6 O instrumental aludido é o seguinte: o "maxal " (ditos proverbiais, máximas ou discursos), as frases enigmáticas, escuras, que cómpre analizar e interpretar ("melisah"), as sentenzas famosas, e as adiviñas (cf Xuí **14**, 12-18; Eclo **8**, 8; Ez **17**, 1-21).
**1**, 7 A sección introdutoria remata cun verso independente, que condiciona todo o devandito. Como sucede no Eclesiastés, no Cántico e no Eclesiástico, o autor da composición final do libro presenta un lema ou motivo director que matice toda a interpretación.
*O temor do Señor* fai alusión á relegación profunda con Deus, ao sentido relixioso (non ao temor ou medo). Comezo traduce imperfectamente o vocábulo "rexit", que significa orixe, recapitulación, primicias, o celme. O sentido relixioso é polo tanto a quintaesencia e caldo de cultivo de todo saber; prepara e libera para o saber verdadeiro; fai saber de verdade. Só o "évil" (estúpido e vicioso) o refuga. A escolma vai ser pródiga no catálogo de cualificativos dedicados aos que desbotan a sabedoría.
**1**, 8-**9**, 18 A primeira colección, disposta en nove capítulos, non amosa un artellamento harmónico. De seu non é unha unidade literaria, nin pola construción formal nin por levar adiante un pensamento consecuente. É máis ben unha antoloxía exemplar de xéneros diversos, co predominio da Instrución e o Discurso de Autopresentación da sabedoría. Exemplos de instrución son as seguintes unidades: **1**, 8-19; **2**, 1-22; **3**, 1-12; **3**, 21-35; **4**, 1-9 e 10-19 (que se cadra van unidos); **4**, 20-27; **5**, 1-23; **6**, 20-35; **7**, 1-27: dez en total. Discursos de autopresentación son: **1**, 20-33; **8**, 1-36; **9**, 1-6. 13-18. Quedan fóra destas categorías o macarismo (ou benaventuranza), de **3**, 13-20; o exemplo pedagóxico, de **6**, 6-11; a tipoloxía, de **6**, 12-15; e o proverbio numérico, de **6**, 16-19. As unidades **6**, 1-5 e **9**, 7-12 semellan elementos fragmentarios, vagos, de instrucións perdidas.

10 Meu fillo, se os pecadores tentan enganarte,
non llelo consintas.
11 Se din: "Ven connosco,
fagamos unha emboscada ás agachadas,
axexemos o inocente porque nos peta,
12 devorémolo en vivo como fai o xeol,
nunha peza, como aos que descenden para a cova,
13 atoparemos toda clase de cousas prezadas,
imos encher as nosas casas de espolios.
14 Bota a túa sorte connosco,
imos facer bolsa común!".
15 Meu fillo, non os acompañes nesa viaxe!
Afasta as túas pegadas dos seus vieiros!
16 Porque as súas pernas corren ao mal,
danse présa a esparexer o sangue;
17 (pois en van se lanza a rede
á vista mesma dos seres alados)
18 e eles están a insidiar contra o propio sangue,
axexan, pero contra as propias vidas.
19 Tales son sempre os camiños de quen cobiza ganancias
que perden as vidas dos seus donos.

**A sabedoría predicadora**

20 A sabedoría bota o pregón pola rúa,
alza a súa voz polas rúas,
21 fai a prédica desde o alto dos muros,
ás entradas das portas da vila di o seu discurso:
22 "Ata cando, inxenuos, amaredes a inxenuidade,
e os burleiros gozarán coa burla
e os parvos refugarán o saber?
23 Se vos convertedes cando vos amoeste,
fareivos burbullar o meu ánimo,
comunicareivos os meus pensamentos.
24 Mais xa que vos chamei e recusastes,
tendinvos a man e ninguén atendeu,
25 rexeitastes calquera consello meu
e non acollestes a miña reprensión,
26 tamén eu me vou rir da vosa desgraza
e botar gargalladas cando vos chegue o terror:
27 cando o medo vos sorprenda coma un torbón
e vos veña a calamidade coma unha treboada,
cando se vos acheguen agonía e angustia.
28 Berrarán por min daquela, mais non responderei,
ergueranse cedo a procurarme e non me atoparán.

**1**, 8-19 Fuxe dos cobizosos: a presente instrución pode servir como modelo da composición do xénero: a) Chamada de atención e motivación do ensino (vv. 8-9); b) Sección doutrinal (vv. 10-15). Normalmente desenvolve un caso de moral, unha circunstancia, un mandado sapiencial. c) Conclusión do discurso (vv. 16-19). Derradeira confirmación do dito ou apelación á sensatez; ou ben citación dun proverbio que reforce o tratado no miolo do discurso.

**1**, 20-33 A sabedoría predicadora: ao longo dunha serie de unidades da colección (cf **8**; **9**, 1-6. 13-18; e o presente) a sabedoría vai ser presentada non como unha calidade a conseguir, senón como un ser independente e personificado que fala en primeira persoa. O xénero literario adoitado nestes casos é o de "Discurso de autopresentación". Características deste discurso "divino" son: O que fala, alza a súa voz onde queira, ten poder para facelo, pon os homes entre a vida e a morte segundo a decisión que tomen a favor ou contra da divindade, prometen dons salvíficos.

A presentación salienta os trazos seguintes: a) A sabedoría fai unha chamada aos humanos, non no marco do sagrado ou privado, senón desde os postos máis profanos (ambiente urbano: vv. 20-21); b) Chama á conciencia cunha fala tirada das predicacións proféticas ("ata cando": v. 22; cf Xer **5**, 18-19; "alza a voz": v. 20b; "tornar": converterse, cf v. 23a); c) O que ensina é consello e corrección; o que dá é a vida; d) Semella equipararse ao Temor de Iavé (compárense os vv. 24-25 cos 29-30).

29 Xa que aborreceron o saber
e non preferiron o temor do Señor;
30 non quixeron aceptar o meu consello
e desprezaron todas as miñas amoestacións.
31 Xantarán do froito do seu proceder,
fartaranse das súas matinacións
32 porque aos parvos mátaos a súa indisciplina
e os tolos pérdense pola súa indolencia;
33 mais quen me escoita morará ben seguro,
tranquilo, sen temor do mal".

**Consellos programáticos**

**2** 1 Meu fillo, se te apropias dos meus ditos
e atesouras os meus mandatos
2 dando oído á sabedoría,
inclinando o teu ánimo ao discernimento;
3 certo, se chamas pola intelixencia
e reclamas con berros a razón,
4 se a procuras como farías coa prata
e cavas por ela como por un tesouro,
5 entenderás entón o temor do Señor
e atoparaste co coñecemento de Deus;
6 pois é o Señor quen dá a sabedoría,
da súa boca chegan a ciencia e a intelixencia;
7 reserva El a competencia para os honrados,
é un escudo para os de conduta sen chata,
8 gardando os vieiros da xustiza
e coidando o camiño dos seus fieis.
9 Distinguirás entón o dereito, a xustiza
e boa lei: todas as xeiras da felicidade;
10 porque a sabedoría entrará no teu ánimo
e o coñecer daralle gusto ao teu padal;
11 a discreción velará sobre ti,
gardarate o discernimento,
12 rescatándote do mal camiño
dos que falan con retranca,
13 dos que abandonan os vieiros sinxelos
para camiñar por rúas entebrecidas,
14 dos que gozan facendo o mal
e se deleitan na perversidade,
15 dos que seguen vieiros tortos
e van por camiños extraviados.

16 Preservarate da muller allea,
da descoñecida que fala con agarimo,

**2**, 1-22 Consellos programáticos: tras do pregón da sabedoría, unha declaración programática dun mestre fainos tornar ao ambiente da instrución. O xénero preséntase aquí xa elaborado e superado cunha destreza singular: número de versos igual ca o número das letras do alfabeto hebreo; dúas seccións de 11 versos; tres estrofas en cada unha das seccións (4+4+3 versos). O fragmento puido existir anteriormente noutro posto coa función de prólogo a unha serie de instrucións.
**2**, 5-11 Proponse a ecuación sabedoría = xustiza = relixiosidade. Os vv. 5 e 6 son os únicos, en toda a serie de instrucións, nos que se fai referencia expresa ao influxo de Iavé para a consecución da sabedoría. O motivo do "camiño", metáfora da decisión e comportamento moral, enche a sección (vv. 8. 9. 12. 13. 15. 18. 19. 20). O camiño da vida está asegurado para os "fieis", "honrados", "íntegros" (**7**, 21b).
**2**, 16-19 Outra vía extraviada é a da *muller allea*. É un tópico que retornará abondo. A figura interprétase ás veces como "muller estranxeira", que cos seus costumes estraños, o seu culto exótico e a súa independencia familiar exercía un nefasto influxo nos mozos da pechada comunidade israelita. Mais abonda con pensar nunha muller non conformista ou adúltera, fose estranxeira ou non, sen excluír a posibilidade de que nela xogue unha certa alegorización, servindo de imaxe á necidade.

17 que se alongou do compañeiro da súa mocidade
e esqueceu a alianza do seu Deus,
18 pois a súa casa inclínase cara á morte,
as súas xeiras cara ás sombras dos mortos;
19 quen a ela vai non torna
nin acada os vieiros da vida.

20 Así poderás marchar polo camiño dos bos
e gardar os vieiros dos xustos.
21 Pois os homes honrados habitarán na terra,
os íntegros serán deixados nela,
22 mais os malvados serán desbotados da terra
e os traizoeiros desenraizados dela.

**A práctica relixiosa**

**3** 1 Filliño, non esquezas o meu ensino
e garda no ánimo os meus mandatos,
2 pois hante acrecentar longura de días,
anos de vida e prosperidade;
3 que non te abandone a lealdade constante,
cínguea arredor de túa gorxa,
escríbea na táboa do teu corazón.
4 Acadarás aceptación e boa sona
á vista de Deus e mais dos homes.

5 Confía no Señor con todo o teu ser
e non te apoies na propia intuición;
6 teno en conta en todos os teus camiños
e El achanzará os teus vieiros.
7 Non te teñas por sabio,
teme o Señor e arrédate do mal;
8 Ese será un tónico para a túa saúde
e un remedio para os teus ósos.

9 Honra o Señor cos teus bens,
coa primicia de todo canto gañes;
10 encheranse os teus cabazos de gran
e as túas pipas estouparán de mosto.
11 Filliño, non rexeites a instrución do Señor,
non leves a mal a súa corrección,
12 pois o Señor reprende a quen ama
e aflixe o fillo benquerido.

**2**, 18-19 Fan probablemente uso literario do mito da deusa babilónica Ixtar. No contexto actual indican que a muller amoral ten a residencia a rentes da terra da morte e os que van onda ela marxínanse da comunidade social e da orde de Iavé. Só os bos e xustos (v. 20), van polo vieiro da vida e reciben a promesa deuteronómica da "posesión da terra", que presaxia as benaventuranzas de Xesús.

**3**, 1-12 A práctica relixiosa: o c. **3** presenta tres fragmentos, de orixes e xéneros diversos: dúas instrucións (vv. 1-12; e vv 21-35) e unha composición doutro carácter (vv. 13-20), na que faltan os imperativos e o modo de ensino autoritario, achegándose ao ton dos salmos sapienciais (cf Sal **1**). Con todo, pódese enxergar unha intención de unidade temática no artificio formal que as une, cal é a reiterada aparición do nome de Iavé, que se repite nove veces.

**3**, 1-12 A instrución primeira esténdese nos motivos da confianza en Deus e do sometemento á súa disciplina. A instrución precedente falounos do fundamento relixioso de toda ética humana; a presente desenvolve o sector concreto dos deberes relixiosos. Faino seguindo unha especie de pequeno catecismo: a) O que se debe á piedade (vv. 5-8); b) O que se debe ao culto (vv. 9-10); c) Como non desprezar o sufrimento (vv. 11-12).
A actitude fundamental que regula as relacións con Deus é a da confianza (v. 5a), o ter a Deus en conta ("coñecelo": saber como procede cos bos e cativos) (v. 6a), e o respecto relixioso (v. 7b). O culto, como mero ritual, é normalmente tema de crítica no ambiente profético e tamén no sapiencial, que tende á sobriedade expresiva. O sufrimento acada sentido: é "instrución de Iavé", é amor (cf Xob **5**, 17ss; **33**, 16-30; Sal **32**; Heb **12**, 5).

**Loanza da sabedoría**

13 Ditoso o home que dá coa sabedoría
e o que vén dotado de discernimento,
14 pois adquirila é de máis proveito ca a prata
e de máis ganancia ca o ouro;
15 é de máis prezo ca o coral,
non se lle compara canto poidas desexar.
16 Na súa dereita leva unha vida longa;
na esquerda, a riqueza e a honra.
17 Os seus camiños son deliciosos,
os seus vieiros, cheos de paz;
18 é a árbore da vida para os que a aferran,
os que a reteñen son felices.
19 O Señor fundou a terra por medio da sabedoría,
afirmou o ceo co discernimento;
20 polo seu saber burbullan as fontes abismais
e as nubes destilan o orballo.

**Deberes da convivencia humana**

21 Meu fillo, non as perdas de vista:
pon garda á competencia e á habilidade.
22 Serán vida para a túa gorxa,
beleza no teu pescozo.
23 Irás entón seguro no teu camiño
sen tropezar co pé.
24 Ao te ires deitar, non pasarás medo;
unha vez deitado, será doce o teu sono.
25 Non te fará tremer un espanto súbito
nin a destrución que cae sobre os malvados,
26 pois o Señor estará ao teu carón
e gardará da trampa o teu pé.

27 Non lle negues un favor a quen ten dereito a el,
cando está no teu poder o concedelo.
28 Non lle digas ao teu veciño: "Vai e volve outra vez;
mañá dareiche", se tes con que.
29 Non amañes un mal contra o teu próximo,
cando el vive confiado á túa beira.
30 Non lle poñas preito a ninguén sen motivo,
cando non che fixo prexuízo ningún.
31 Non envexes o violento
nin adoptes os seus procedementos,
32 pois o Señor aborrece o perverso
e reserva a súa intimidade para os honrados.

**3**, 13-20 Loanza da sabedoría: atopámonos de novo noutro ambiente, máis hímnico ca didáctico, veciño do contexto do que xurdiu o poema de autopresentación. O tema é a dignidade da sabedoría, a súa preeminencia, a recomendación para buscala como a unha persoa.
A figura feminina, que en **1**, 20-33 aparecera na metáfora da predicadora, preséntase agora hieraticamente baixo as características dunha deusa exipcia ("Maat": deusa da orde e da xustiza) cos seus paramentos e atributos (regalos na destra e na esquerda: v. 16), sinaladora dos camiños venturosos (v. 17), doadora da árbore da vitalidade (v. 18). Pero non é algo divinizable: de aí a corrección que se fai á figura da Maat. É o alicerce e instrumento que Deus empregou na creación. A imaxe do Iavé arquitecto do mundo xa estaba presente no Déutero-Isaías (**40**, 12-17. 28-31). Os sabios queren aproveitar as súas lecturas dos escritos estranxeiros, mais sen caer na mitoloxía.
**3**, 21-35 Deberes da convivencia humana: disposición desta instrución: a) Unha chamada de atención (vv. 21-26); b) Un corpo central doutrinal, articulado en cinco amoestacións negativas (vv. 27-31); c) Unha fundamentación teolóxica (vv. 32-34), á que se suma unha máxima de tipo xeral (v. 35).
A introdución actual (vv. 21-26) recolle unha linguaxe que debeu ser típica do ensino relixioso dos sabios (Iavé garda no camiño comezado; garda do medo; vai a carón do de conduta limpa). A relixiosidade dos sabios é persoal, íntima, baseada na lealdade de Deus, que garda o destino dos honrados.

[33] A maldición do Señor cae sobre o casal do impío,
pero bendí a morada dos xustos.
[34] Cos burleiros, búrlase deles,
mais demostra o seu favor aos humildes;
[35] Os sabios herdan a honra,
os parvos gañan a vergonza.

**A sabedoría desposada**

**4** [1] Escoitade, fillos, a instrución dun pai,
prestade atención para aprender intelixencia;
[2] É unha boa tradición o que vos dou,
non esquezades o meu ensino,
[3] pois tamén eu fun fillo de meu pai,
fillo único e querido de miña nai.
[4] Cando el me ensinaba, dicía:
"Que o teu ánimo recolla as miñas palabras,
garda os meus mandatos e medrarás!
[5] Adquire sabedoría, adquire intelixencia,
non as esquezas nin te afastes dos meus ditos.
[6] Non a repudies, ela hate gardar;
quérea ben e hate protexer.
[7] Esencia de sabedoría é: adquire sabedoría!
e mesmo por canto teñas, procura a intelixencia.
[8] Faille agarimos e enxalzarate;
dálle unha aperta e encherate de honor;
[9] porá na túa cabeza un diadema xeitoso,
darache en agasallo unha coroa espléndida".

**Aparta do mal camiño**

[10] Filliño, escoita e acolle as miñas razóns
para que se che multipliquen os anos de vida.
[11] Eu diríxote polo camiño da sabedoría,
guíote por un vieiro recto;
[12] Ao camiñares, non serán impedidos os teus pasos;
se botas a correr, non tropezarás.
[13] Afférrate á instrución, non a deixes da man;
gárdaa, pois nela vaiche a vida.
[14] Non collas para o vieiro dos malvados
nin te encamiñes pola xeira dos perversos:
[15] tíraa da cabeza, non atraveses por ela,
dá un rodeo e segue adiante,
[16] pois os tales non dan durmido se non fixeron algunha,
non lles vén o sono se non afundiron a alguén;
[17] xantan do pan do crime,
beben do viño da violencia.
[18] Porén, o vieiro dos xustos é como a luz do abrente
e vai medrando ata o pleno día;

**4**, 1-9 A sabedoría desposada: nova instrución, en dúas seccións: exhortación á escoita da tradición (vv. 1-4); e amoestacións é consecución da sabedoría (vv. 5-9).
O corpo doutrinal presenta a metáfora da sabedoría como noiva e desposada. A secuencia é a seguinte: ao comezo o pai da noiva exhorta a conseguila pagando o dote, o "mohar" (compra e adquisición da noiva: **4**, 5. 7); seguiría a declaración do noivo "ti es a miña irmá" (irmá: noiva, desposada: **7**, 4; cf Tob **7**, 15; Ct **4**, 9-12; **5**, 1ss); segue a amoestación do sogro a non repudiala e a querela ben (**4**, 6a. b. 8a. b). Pero aquí a metáfora vai mesturada con outra dos vv. 6b. 8a. 9a. b, nos que a sabedoría concede dons, coma unha mestra e dona poderosa, ao seu protexido.
**4**, 10-19 Aparta do mal camiño: a imaxe simbólica de dous camiños (do ben e do mal, da vida e da morte) xa apareceu en **1**, 8-19 e noutros pasos illados coma **2**, 8s e **3**, 23s. O uso é de seu xeral en todo o Antigo Oriente, mais o que en Exipto poñía un acento vocacional (camiño de prosperidade ou de desgraza), en Israel céntrase no valor ético do comportamento e no froito da vida (cf v. 10b).

19 en troques, o camiño dos malvados é como a tebra,
non saben contra onde van bater.

### O control da conciencia

20 Meu fillo, estate atento ás miñas palabras,
tende a orella ao que che vou dicir,
21 non as perdas de vista,
gárdaas ben no sentido;
22 son vida para quen dá con elas
e un tónico total para o seu corpo.
23 Por riba de todo, garda o corazón,
pois del burbullan os mananciais da vida;
24 afasta de ti a fala perversa,
alonga de ti os labios falsos;
25 que os teus ollos miren dereito
e as túas olladas vaian de fronte;
26 ten coidado onde pos as túas pegadas
e sexan firmes todas as túas vías;
27 non vires nin para a dereita nin para a esquerda,
arreda os teus pés do mal.

### Dúas castes de muller

**5** 1 Meu fillo, atende a miña sabedoría,
dálle oído ao meu discernimento;
2 dese xeito poderás gardar confidencias
e os teus labios conservarán saber.
3 Os labios de muller allea pingan mel
e o seu padal esvara máis ca o aceite;
4 pero ao remate amarga máis ca o áloe,
é máis tallante ca unha espada de dous fíos;
5 os seus pés van descendendo para a morte,
as súas pegadas van dar no xeol;
6 non ten ela en conta o camiño da vida,
os seus vieiros cambian, nunca ten sosego.
7 Polo tanto, filliño, escóitame,
non te afastes das miñas razóns;
8 arreda dela o teu camiño,
non te achegues á porta da súa casa;
9 non sexa que deixes para outros o teu honor
e os teus anos a un ser cruel;
10 non sexa que aproveiten os alleos o teu vigor
e as túas fatigas na casa da estranxeira,
11 que entón te laiarías ao virche enriba a fin,
ao se che consumiren o corpo e mais as carnes;
12 dirías daquela: "Malia de min, que aborrecín a instrución
e o meu corazón desprezou a corrección!

**4**, 20-27 O control da conciencia: as dúas seccións da instrución son: a) "Chamada" paternal (vv. 20-22); b) Corpo doutrinal (vv. 23-27).
O "corazón" (v. 23a), na antropoloxía israelita, non é o órgano simbólico da afectividade, fóra de casos raros; é máis ben o centro onde se coñece, non intelectualmente, senón por simpatía, e onde se sopesan as decisións. Poderiámolo traducir en moitos casos como conciencia.
**5**, 1-23 Dúas castes de muller: o tema, frecuente no programa sapiencial, xa apareceu aludido en **2**, 16-19, e volverá máis adiante: unha requisitoria directa e crúa contra as relacións con mulleres distintas da propia (vv. 3-14), neste caso unida a unha exhortación á fidelidade matrimonial (vv. 15-20).
En Pr **1-9** fálase de catro figuras femininas: a muller allea, da que cómpre gardarse (**2**, 16-19; **5**, 1-14; **6**, 20-35; **7**, 1-27); a muller propia (**5**, 15-19); Dona Tolemia, que tenta alicerzar o inexperto cara á desfeita (**9**, 13-18); Dona Sabedoría, que lle fai o don da vida (**1**, 20-33; **4**, 7s; **8**, 1-36; **9**, 1-6).
O tipo descrito coa denominación *muller allea* ("ishah zarah") non é unitario (estranxeira, muller do veciño, prostituta), mais sempre inclúe nestes cc. o motivo do adulterio.

13 Non quixen escoitar a voz dos meus mestres
e non prestei oído aos meus ensinantes;
14 pouco faltou para me ver totalmente arruinado
diante da asemblea e do consello".
15 Bebe a auga da túa cisterna,
e as burbulladas do teu pozo.
16 Ías derramar pola rúa os teus regatos,
polas prazas as túas canles?
17 Que sexan para ti só,
non para as compartires cos estraños!
18 Que sexa bendita a túa fonte
e goces coa compañeira da túa mocidade,
19 cerva amada, gacela xeitosa!
Que os seus peitos te teñan sempre bébedo
e decote te envolva o seu amor!
20 Por que, meu fillo, irte axuntar coa allea?
Por que abrazar o seo dunha estranxeira?

21 Que Deus ten diante dos ollos o proceder dos homes,
enxerga todos os seus vieiros;
22 as propias culpas cazan o malvado,
enrédase nas cordas do seu pecado
23 e morre pola súa indisciplina;
será amortallado na súa necidade.

**Non deas fianza**

**6** 1 Meu fillo, se saíches fiador polo teu veciño
ou deches unha aperta de mans por un estraño,
2 se te enguedellaches nas túas propias verbas
ou te cazaron con palabras da túa boca,
3 obra deste xeito, meu fillo, e ponte a salvo,
xa que caíches na man do teu veciño:
vai, humíllate e importúnao,
4 non lles deas sono aos teus ollos
nin acougo ás túas pálpebras;
5 céibate como gacela do cazador,
coma o paxaro da man do trampeiro.

**O nugallán e a formiga**

6 Érguete e vai cabo da formiga, preguiceiro,
considera o seu tino e faite sabio:
7 Ela non ten xefe nin capataz, nin gobernante;
8 almacena o seu gran no estío,
achega o seu xantar durante a colleita.

A sección positiva (vv. 15-20) vén dicir: "Ama á túa esposa con predilección e exclusividade".
**5**, 21-23 A sección "remate do ensino", fai pasar do ton de instrución internacional ao contexto teolóxico iavista, no que Deus é o derradeiro defensor dunha orde infrinxida.
**6**, 1-5 Non deas fianza: o c. **6** presenta unha morea de formas literarias e materiais moi diversas: un fragmento de instrución (vv. 1-5); un exemplo pedagóxico (vv. 6-11); unha descrición tipolóxica (vv. 12-15); un proverbio numérico (vv. 16-19) e unha instrución propiamente dita (vv. 20-35). O conxunto non patentiza unha vontade de agrupación temática e máis ben configura un mosaico, froito do desexo de conservar para a posteridade modelos xulgados interesantes ou instruíntes.
O fragmento presente (vv. 1-5), corpo doutrinal dalgunha instrución, ilustra a sospeita dos sabios fronte ao mundo do diñeiro e do comercio.
**6**, 6-11 O nugallán e a formiga: un aire de fábula percorre este exemplo, no que se aguilloa a autodisciplina e a industriosidade sistemática coa observación da formiga a traballar de cotío. O texto grego acrecenta o exemplo coa mención da abella, que non se avén co uso que dela se fai noutros pasos do A. T.

9 E ti, nugallán, canto tempo vas durmir?
Cando te vas erguer do sono?
10 Un pouquiño a durmir, un pouquiño a adurmiñar,
un pouquiño a deitarse cos brazos cruzados
11 e a pobreza chega coma un vagabundo
e a necesidade coma un mendigo.

### O malvado

12 Persoa argalleira é o malvado:
procede con retranca ao falar,
13 chisca o ollo, fai xogos cos pés
e sinala co dedo,
14 trama perversidades e matina o mal
e sempre anda a espallar liortas;
15 por iso lle ha vir de súpeto a desgraza
e nun intre será esnaquizado sen remedio.

### O antisocial

16 Seis cousas hai que o Señor refuga
e mais unha sétima que El aborrece:
17 ollos altivos, lingua mentireira,
mans que esparexen sangue inocente,
18 mente que cisma en plans mal intencionados,
pernas que corren cara á maldade,
19 quen levanta falso testemuño
e quen sementa preitos entre irmáns.

### Fuxe da adúltera

20 Garda, meu fillo, o mandato de teu pai
e non rexeites o ensino de túa nai;
21 lévaos decote atados á túa conciencia,
pendúraos do teu pescozo.
22 Estando de viaxe, guiarante;
deitado, vixiarante;
ergueito, falarán contigo.
23 Pois o mandato é unha candea; o ensino, unha luz,
e a instrución correctiva é camiño da vida
24 para te gardares da muller maligna,
da suave lingua da estranxeira.
25 Non anheles con paixón a súa beleza,
que non te escravice coas súas pálpebras
26 porque o prezo da rameira é un anaco de pan,
mais a casada vai á caza dunha vida preciosa.
27 Pode alguén levar lume no peto
sen que lle ardan os vestidos?
28 Poderá camiñar sobre ascuas
sen que se lle queimen os pés?
29 Pois tal acontece co que se achega á muller do veciño;
quen a toque non quedará indemne.
30 Non se aldraxa un ladrón cando rouba
para encher o seu estómago famento,

**6**, 12-15 O malvado: a pintura de tipos humanos era unha das habilidades máis apreciadas na pedagoxía dos sabios (cf Xob **21**, 7-26; **24**, 2-12). O malvado é neste caso o "beli iaal", do que procederá o Belial do N. T.
**6**, 16-19 O antisocial: quizais o tipo humano descrito na sección anterior atraeu este proverbio numérico, que se detén nun comportamento semellante, onde a corrupción moral é fonte de toda caste de malevolencia.
**6**, 20-35 Fuxe da adúltera: de novo unha instrución sobre o tema da muller allea, pero xa centrada expresamente no adulterio (casada: v. 26; muller do veciño: v. 29).

31 pero se o atrapan, terá que restituír o séptuplo,
ha de deixar canto teña de valer na casa.
32 Quen comete adulterio cunha muller, non ten siso;
o que a viola, destrúese a si mesmo;
33 atopará violencia e infamia,
non borrará a súa vergonza
34 porque os celos inflaman o marido
e non terá piedade cando se vingue,
35 non considerará compensación ningunha,
nin aceptará agasallos, por moitos que lle mandes.

**Retrato da sedutora**

**7** 1 Meu fillo, atende as miñas razóns,
garda dentro de ti os meus mandatos;
2 observa os meus preceptos para que vivas
e o meu ensino coma a meniña dos teus ollos;
3 átaos aos teus dedos,
escríbeos na táboa do teu corazón.
4 Dille á sabedoría: "Ti es a miña noiva",
chámalle á intelixencia: "Prometida",
5 de xeito que te garde da muller allea
e das verbas suaves da estranxeira.

6 Por certo, estaba eu na fiestra da miña casa
ollando pola cancela
7 e velaquí que descubrín entre os inxenuos,
percibín entre os rapazotes,
un mozo sen siso
8 atravesando a rúa na revolta
e dirixirse camiño da súa casa.
9 Era entre lusco e fusco, no serán,
no escuro da lúa nova.
10 E velaí que lle sae ao encontro unha muller
co vestido e xeitos arteiros dunha mala femia,
11 desenvolta e inqueda;
os pés non a puideran reter na casa:
12 sexa na rúa, sexa na casa,
está sempre a axexar por todos os recantos.
13 Entón aferra nel e bícao
e con descaro dille:
14 "Estaba a preparar un banquete de sacrificio,
pois hoxe teño que cumprir os meus votos;
15 por iso saín por te invitar,
procureite por todas as partes e xa te encontrei;
16 cubrín o meu leito de tapetes,
con cobertores de cor, de liño de Exipto;
17 perfumei a alcoba
con mirra, áloe e cinamomo.
18 Ven, embriaguémonos de agarimos ata o amencer,
gocémonos cos nosos amoríos,
19 que o meu home non está na casa,
vai de viaxe para tempo;

**7**, 1-27 Retrato da sedutora: instrución completa nas súas tres seccións: a) vv. 1-5; b) vv. 6-23; c) vv. 24-27.
A muller que intervén neste caso é unha prostituta, probablemente estranxeira, polos seus usos relixiosos (referencia á lúa nova, no v. 9; aos "votos", no v. 14), que poden incluír unha velada alusión ao rito do "ieros gamos", o matrimonio sagrado dos ritos de fertilidade.

20 levou consigo a bolsa do diñeiro
e non volverá ata a lúa chea".
21 Sedúceo ela deste xeito coas súas moitas razóns
e arrástrao cos seus labios falaces.
22 E o parviño vai tras ela
como vai o boi ao matadoiro,
coma o cervo se enguedella no lazo,
23 coma o paxaro voa cara á trampa
ata que a frecha lle atravesa o fígado,
sen se decatar que aí lle vai a vida.

24 Polo tanto, filliños, escoitádeme,
atendede as miñas palabras:
25 Non dobregues o teu ánimo para os seus camiños,
non te extravíes nas súas vereas,
26 que moitos son os feridos que ela guindou,
todas as súas vítimas son innumerables,
27 a súa casa é o camiño do xeol,
que descende ata as moradas da morte.

**A sabedoría onda Deus**

**8** 1 Velaí a sabedoría que chama,
o discernimento ergue a súa voz
2 nos cumios, á beira dos camiños,
apóstase nas congostras;
3 xunto ás portas da cidade,
a carón das cancelas, pregoa:
4 "É por vós, homes, por quen chamo,
a miña voz diríxese á humanidade.
5 Inxenuos, aprendede a habilidade,
necios, adquiride siso;
6 escoitade, que vou dicir cousas elevadas,
o que dirán os meus labios é honrado,
7 pois a miña boca murmura a verdade
e os meus labios aborrecen o mal.
8 Todos os meus ditos son honestos,
non hai neles cousa torta nin perversa;
9 todos eles son sinceros para o home axuizado
e rectos para cantos acadaron saber.
10 Aceptade a miña instrución mellor ca o diñeiro
e o coñecemento máis ca o ouro refinado,
11 pois a sabedoría vale máis do que as perlas
e non ten comparanza co máis prezado.
12 Eu, a sabedoría, convivo coa prudencia,
sei dar cos procedementos axeitados.
13 (Temer a Deus é odiar o mal).
Eu aborrezo o orgullo e a fachenda,
a mala conduta e a boca perversa;
14 meus son o plan político e a competencia,
a intuición e mais o poder;
15 polo meu medio reinan os reis
e os gobernantes decretan leis xustas;

**8**, 1-36 A sabedoría onda Deus: o c. **8** é posiblemente o cumio máis excelso da teoloxía dos sabios. A orde do mundo, a sabedoría enxertada nel, a xustiza total como unha demanda sentida na conciencia, facían falar ás cousas cunha voz sobrehumana. Non era a voz de Deus, pero tiña que ver con El. Non era sen máis o resoar múltiple das marabillas da terra; era unha voz próxima e sensitiva, chea de agarimo e case persoal, o que eles percibían.

16 por min administran os estadistas
e mais os magnates: todo o que ten dereito a gobernar.
17 Eu amo a quen me ama
e quen me procura hame encontrar;
18 eu traio fartura e honra,
riqueza ben fundada e xustiza;
19 o meu froito é mellor ca o ouro bruto e ca o refinado,
o meu produto vale máis ca a prata de lei;
20 eu marcho polo vieiro da xustiza,
polas vereas da equidade,
21 repartindo propiedades aos que me aman
e enchendo os seus tesouros.

22 O Señor produciume ao encetar a súa tarefa,
antes das súas actividades;
23 desde a antigüidade, desde o remoto pasado, fun formada,
antes das orixes da terra.
24 Cando non había océanos abismais, fun parida,
cando non había fontes, mananciais de auga;
25 aínda non foran afincadas as montañas,
antes dos outeiros, fun dada a luz;
26 cando aínda non fixera a terra e as campías
nin os terróns primeiros do mundo,
27 cando afirmaba o ceo, alí estaba eu;
cando gravaba o cerco arredor do abismo,
28 cando aseguraba as nubes no alto
e daba enerxía ás fontes subterráneas,
29 cando lle impuxo os lindes ao mar
de xeito que as augas non incumprisen o seu mandato,
cando fixaba os alicerces da terra,
30 alí mesmo estaba eu, cabo del, coma un mestre de obras,
dándolle gusto día tras día,
folgando diante del continuamente,
31 recreándome no orbe da terra,
e o meu pracer foron os seres humanos.
32 Escoitádeme, xa logo, filliños:
felices os que seguen os meus camiños;
33 atendede a instrución e sede sabios,
non a refuguedes.
34 Feliz o home que me escoita
velando as miñas portas día a día,
gardando os marcos da miña cancela;
35 pois quen me atopa, atopou a vida
e obtivo o favor do Señor;
36 mais quen me ofende, a si mesmo se violenta:
todos os que me odian, aman a morte".

**8**, 22-31 A sabedoría na orixe do mundo. Ela mesma fala dos seus comezos misteriosos nunha lingua chea de alusións.
A disposición é sumamente coidada e artística: vv. 22-23: a sabedoría fala de si e da súa antigüidade; vv. 24-26: fala do estadio previo á creación; vv. 27-29: narra a súa presenza no intre de crear; vv. 30-31: describe a súa función. En total 2+3+3+2 versos.
**8**, 30 *Mestre de obras* é tradución do termo "Amón", que outros interpretan "Amún" (neno ou nena, aprendiz). A razón da elección baséase na existencia da verba acádica "ummanu", da mesma raíz, que denota o conselleiro e planificador real, non o artífice como tal, mais si o "ministro das obras públicas". A sabedoría pasa de ser o plano universal (Xob **28**) e ministro do interior (Pr **8**, 14. 16) a ser o "planificador do universo". É algo máis ca unha metáfora artística, e non é un ser mítico; é un deses conceptos dinámicos (Palabra, Espírito, brazo) frecuentes no A. T., que designan enerxías e presenzas operantes. Mais non é un atributo de Deus; é unha propiedade da terra, esa calidade posta nela por Deus, pola que se dirixe benéfica cara á vida do home (cf v. 31).

### O banquete da sabedoría

**9** [1] A sabedoría construíu a súa casa,
tallou as súas sete columnas;
[2] fixo a matanza do gando, mesturou o seu viño
e preparou a súa mesa;
[3] despachou as súas criadas a anunciar o convite
polos altos da cidade:
[4] "Quen sexa inxenuo, que se achegue aquí";
ao que carece de siso dille:
[5] "Vide, comede do meu pan
e bebede do viño que mesturei,
[6] deixade a vosa inxenuidade e viviredes,
camiñade pola vía da intelixencia".

[7] Quen corrixe o burleiro, carga el coa aldraxe;
quen reprende o impío, é el a deshonrarse.
[8] Non corrixas o burleiro, non sexa que te odie;
corrixe un sabio e hate amar.
[9] Dálle instrución ao sabio: tornarase máis sabio;
informa ao xusto e aumentará a súa doutrina.
[10] O comezo da sabedoría é o temor do Señor
e o coñecemento do Santo é intelixencia.
[11] Polo meu medio multiplicaranse os teus días,
hánseche aumentar os anos da vida;
[12] se te fas sabio, será para o teu proveito;
se te fas burleiro, serás ti só a sufrilo.
[13] Dona Tolemia é turbulenta,
simplista, non sabe ren.
[14] Senta á porta da casa
nunha cadeira no alto da vila
[15] para chamar polos paseantes,
polos que van dereitos polo seu camiño:
[16] "Quen sexa inxenuo, que se achegue aquí".
E ao que carece de siso, dille:
[17] "Doces son as augas roubadas
e o pan prohibido é máis gustoso".
[18] E o tal non sabe que alí fican os mortos
e os seus convidados, nos vales do xeol.

**9**, 1-18 O banquete da sabedoría: a colección dos cc. **1-9** pecha cunha derradeira invitación a participar na felicidade do banquete sapiencial. A nota realista imponlles aos sabios o teren en conta que a Tolemia e a necidade tamén solicitan ao inexperto. A dobre invitación queda reflectida nun díptico, no que se contrapoñen Dona Sabedoría (vv. 1-6) e Dona Tolemia (vv. 13-18).

A presentación de Dona Sabedoría detense na descrición da súa casa (v. 1), composta dunha columnata ou pórtico do que non se entende ben a alusión. O máis probable é que se faga referencia a un lugar sagrado ou templo. Nese caso o banquete que segue é sacrificial, e podería conter unha polémica contra os banquetes disolutos do culto da deusa Ixtar, que facía a invitación aos cultos da fertilidade polo medio das súas servidoras. A sabedoría, en contraposición, ten unha misión educadora e manda as súas mozas alicerzar os rapazotes a participar no saber.

A figura da Tolemia (vv. 13ss) é en troques presentada coma a de alguén vulgar e privado de dignidade: asenta na rúa (v. 14), é fácil de atopar (v. 15), non ten xantar de seu (v. 17). Como tal, máis pertence ao mundo dos mortos e do xeol ca ao da vida: tal é o comentario da man do autor no v. 18.

# SEGUNDA COLECCIÓN

## PROVERBIOS DE SALOMÓN

**Antoloxía "A"**

**10** [1]Proverbios de Salomón.
Fillo sabio alegra a seu pai,
fillo necio dá mágoa a súa nai.
[2]Tesouros mal gañados non dan proveito,
pero a xustiza libra da morte.
[3]O Señor non lle deixa pasar fame á gorxa do xusto,
mais porá impedimento ao degoiro dos malos.
[4]Man indolente carrexa pobreza,
brazo dilixente enriquece.
[5]Quen recolle no verán é asisado,
quen dorme durante a colleita é unha desgraza.
[6]Ás bendicións para a cabeza do xusto,
pero a violencia tapa a boca do malvado.
[7]A lembranza do xusto provoca bendicións,
mais a sona dos perversos podrece.
[8]Home de mente sabia acolle directrices,
o de labios necios bótase a perder.
[9]Quen camiña a dereitas vai seguro,
quen vai polas tortas é atrapado.
[10]Quen fai que non ve, carrexa dor;
quen corrixe na cara, constrúe a paz.
[11]Manancial de vida é a boca do xusto,
mais o parolar dos perversos encobre violencia.
[12]O odio acende liortas,
pero o amor pasa por riba da ofensa.

**10**, 1-**22**, 16 Proverbios de Salomón: Co c. **10** introducímonos na segunda colección, e nas escolmas de "maxais" propiamente ditas. O que hoxe semella un amoreamento caótico, debeu ter un sentido e utilidade precisos para os escolmadores, probablemente no contexto escolar. De feito o título "Proverbios de Salomón" (**10**, 1), máis antigo ca o inicial do libro, préstase a un curioso cálculo: sumando os valores numéricos que tiñan as letras consoantes (pois as vogais non se escribían), o valor total é o número 375, o mesmo dos versos da colección. Outro tanto debeu acontecer coa colección quinta (cc. **25**-**29**), posta baixo o nome de Ezequías, que enumera na suma consonántica 130, sendo hoxe o número de versos 127, con perdas sen dúbida orixinadas na transmisión textual. Para chegar a esas precisións artificiosas, os recompiladores non dubidaron en prolongar e aínda repetir proverbios e mesmo en compor novos ditos de tallo erudito, a partir doutros anteriores (cf **10**, 2 e **11**, 4; **14**, 12 e **16**, 25; **18**, 8 e **26**, 22; etc.).

As series non responden a desenvolvementos temáticos claros. Máis ben xúntanse varios ditos por afinidades de motivo ou por procedementos de axuda á retención memorística.

**10**, 10-15 Antoloxía "A": malia o devandito, a crítica de fontes e a socioloxía literaria dan pé para facer outras distincións. Un dos resultados sería que a presente colección erudita supón a suma doutras dúas previas e de diversa data: A) Os cc. **10**-**15**; B) Os cc. **16**, 1-**22**, 16.

A colección "A", que agora principiamos, componse de proverbios dominados pola contraposición "xusto-malvado", que se sobrepón á outra "sabio-necio". O paralelismo dominante é o antitético (cf Introdución, 2.), a base de contrastes, en máximas breves dun dístico. Trátase de sinxelas afirmacións de valor sen imperativos nin consellos directos.

O contexto social e económico, presente nas imaxes e referencias descritivas, é agrícola e de oficios manuais, con leves referencias ao comercio (o especulador, maldito do pobo: **11**, 26). Pobres e ricos sono segundo a súa preguiza ou dilixencia no traballo. O dereito non se ve adiantado. O rei aparece raras veces. Todo fai pensar en normas seculares dunha ética honrada, endereitada á construción da sociedade, coas virtudes do traballo, a modestia e a xenerosidade, apoiadas pola presenza garante dun Iavé presente (**15**, 3. 11) e, non obstante, sen relación co culto. Ser relixioso é captar como debe ser o mundo e obrar en consecuencia; ser xusto é ser benéfico á sociedade.

Pódese polo tanto falar da colección "A" como dunha ética agrícola e gandeira, centrada na división polar dos homes segundo o seu proceder, e nidiamente optimista.

**10**, 2 Mantemos a tradución *xustiza*, xa que a evolución semántica da verba "sedaqah" como "esmola" é tardía.

**10**, 6 O *xusto* non vén definido, senón circunscrito polas súas accións ou calidades. Os seus paralelos son: sincero, benéfico, fiel, digno de confianza. As súas actitudes son cualificadas de "boas", "verdadeiras".

**10**, 10 "Chiscar o ollo" (así se verte ordinariamente o orixinal) non indicaba facer burla, senón tentar algo malo. Tendo en conta o contexto do segundo hemistiquio, cadra mellor a idea de "facer que non se ve".

13 Nos labios do intelixente atópase a sabedoría,
no lombo do parvo, o fungueiro.
14 Os sabios amorean saber,
mais a boca do necio é ruína inminente.
15 A fortuna do rico é o seu castelo ameado,
o terror dos pobres é a súa miseria.
16 A paga do xusto é a vida,
a ganancia do malvado é o erro.
17 Camiña para a vida quen acepta a instrución,
o que refuga a corrección, pérdese.
18 É de labios falaces o que acocha xenreiras
e quen espalla calumnias é un insensato.
19 Nunha chea de verbas non faltará o erro,
o que contén os labios sabe o que fai.
20 Lingua de xusto, prata de lei;
matinar de perversos, refugallo.
21 Os labios do xusto pastan a moitos,
os parvos morren por falta de siso.
22 É a bendición do Señor a que fai rico
e o esforzo non engade nada.
23 Tramar un plan torto é o xogo do necio
e do home intelixente é a sabedoría.
24 Ao malvado vénlle enriba o que teme,
aos xustos dáselles o que anhelan.
25 Pasou a galerna, esvaeceu o malvado;
mais o xusto é un alicerce perenne.
26 Vinagre para os dentes, fume para os ollos:
tal é o preguiceiro para quen lle dá un mandado.
27 O temor do Señor acrecenta días,
os anos dos malvados abrévianse.
28 Leda é a expectación dos xustos,
a esperanza dos malvados perecerá.
29 Salvagarda do honrado é o poder do Señor,
mais é terror para os que fan o mal.
30 O xusto non será endexamais abaneado,
os malvados non habitarán a terra.
31 A boca do xusto produce sabedoría,
a lingua mentireira será tallada.
32 Os labios do xusto flúen boa vontade;
a boca malvada, dobres intencións.

**11** 1 Balanzas enganosas aborréceas o Señor,
o seu gusto son as pesas axustadas.
2 Detrás da fachenda chega a vergonza,
pero a sabedoría vai cos modestos.
3 A integridade guía os rectos,
a falsidade destrúe os traidores.
4 De nada vale a fortuna no día da ira,
mais a xustiza salva da morte.
5 A xustiza dos íntegros enderéitalles o camiño,
pola súa maldade vén o malo a caer.
6 A xustiza dos rectos, sálvaos,
pola súa cobiza son atrapados os traidores.

**10**, 22 Aparece Iavé por segunda vez (cf v. 3) nunha afirmación paradoxal e case polémica, semellante a unha corrección contra o exceso de confianza no obrar humano.

**11**, 26 O verso insiste na conduta asocial do especulador e reflicte a obvia moral campesiña, que sente como un roubo feito á colectividade a acumulación egoísta.

7 Morto o malvado, acabóuselle a esperanza
e o seu afianzar nas riquezas perece.
8 O xusto líbrase da angustia,
o malvado ocupa o seu lugar.
9 O hipócrita coa boca afunde o veciño,
mais polo seu saber sálvanse os xustos.
10 Polo éxito dos xustos alégrase a vila,
e pola perda dos malvados fai festa.
11 Coa bendición dos honrados medra a cidade,
coa leria dos malvados arruínase.
12 Quen aldraxa o veciño non ten siso,
o home prudente cala.
13 Quen anda con contos descobre segredos,
home de fiar garda a palabra.
14 Sen boa dirección pérdese un pobo,
o progreso está nos moitos expertos.
15 Mal lle irá a quen sae fiador por un estraño,
quen refuga eses tratos terá seguridade.
16 A muller xeitosa bótanselle flores,
e os arriscados conquistan riqueza.
17 O home piadoso para si mesmo é bo,
o cruel a si mesmo se dana.
18 O malvado leva unha paga ilusoria,
quen sementa xustiza leva un salario de lei.
19 O que sementa a xustiza ten por destino a vida,
quen persegue o mal vai cara á morte.
20 Aborrece o Señor os corazóns torcidos
e comprácese nos de conduta honrada.
21 Abofé que o malvado non quedará impune,
a descendencia dos xustos será posta en liberdade.
22 Anel de ouro no fociño dun porco
é a muller fermosa, pero sen siso.
23 O desexo dos xustos é só o ben,
a esperanza dos malvados xera ira.
24 Hai quen é xeneroso e se fai máis rico;
hai quen aforra de máis e vive na miseria.
25 Quen crea prosperidade, el mesmo medra,
e quen abebera será abeberado.
26 Toda a bisbarra maldí o que retén o trigo
e enche de bendicións a quen o vende.
27 Quen madruga para facer o ben, atrae o favor,
mais o mal sae ao encontro de quen o busca.
28 Quen afianza na súa riqueza, murcharase,
pero os xustos agromarán coma follas.
29 Quen arruína o casal vai herdar vento
e o parvo chegará a escravo do sabio.
30 O froito dun home recto é a árbore da vida
e o sabio atrae as persoas.
31 Se o xusto recibe na terra o seu merecido,
moito máis o perverso e o pecador.

**12** 1 O que ama a instrución ama o saber,
mais o que odia a corrección é estúpido.
2 O bo acada o favor do Señor,
pero El condena o retorto.
3 O home non se ten en pé sobre a maldade,
mais a raiceira dos xustos non se conmove.

4 A muller mañosa é a coroa do seu home,
a desvergonzada é carie nos ósos.
5 Teima dos xustos é a equidade;
matinación dos malvados, o engano.
6 As verbas dos perversos son emboscadas criminais,
o falar dos rectos fainos ceibes.
7 Os malvados son abatidos e desaparecen,
pero o casal dos xustos mantense.
8 Loan a un polo seu siso,
mais o arteiro será aldraxado.
9 Mellor lle vai a un home modesto que teña de que vivir,
do que ao fachendoso que non ten pan.
10 O de bo natural atende a fame do gando,
mais os sentimentos do malvado son crueis.
11 Quen traballa a súa terra fartarase de pan,
o que anda ás nugallas é parvo.
12 O alicerce dos malvados é derrubado,
mais o raigaño dos xustos mantense.
13 Enguedéllase o malo no exceso dos seus labios,
pero o xusto foxe da estreitura.
14 Pode un home encherse co froito do que fala
e ser recompensado polo que faga coas mans.
15 Ao parvo parécelle recta a súa conduta,
mais soamente é sabio quen escoita un consello.
16 A carraxe do parvo axiña se mostra,
mais o astuto disimula unha inxuria.
17 O home veraz conta a verdade;
a testemuña falsa, a mentira.
18 Persoas hai que falan a estocadas,
a fala dos sabios é medicina.
19 Falar sincero dura para sempre;
fala embusteira, tan só un intre.
20 O engano é a intención dos que argallan o mal,
mais a ledicia é a paga dos que aconsellan a paz.
21 Ningún mal caerá sobre o xusto,
mais os malvados fican cheos de coitas.
22 Aborrece o Señor os labios mentireiros,
comprácese, en troques, nos que practican a verdade.
23 O home astuto esconde o seu saber,
os parvos pregoan as súas tolemias.
24 Man dilixente, ao goberno;
man nugallá, a servir.
25 A ansiedade no corazón do home angústiao,
a verba agarimosa alégrao.
26 O home de ben móstralle a vía ao amigo,
o camiño dos perversos extravía.
27 O preguiceiro non asa o que cazou,
mentres o dilixente amorea riquezas.
28 No vieiro da xustiza atópase a vida,
o camiño da necidade leva á morte.

**12**, 10 Os sentimentos verbo dos animais supoñen unha humanidade que despois se reflicte no trato coas persoas.
**12**, 13-19 A ética no falar e a súa casuística moven con frecuencia a reflexión dos mestres sapienciais: intervir ou non, falar a tempo ou a destempo, alporizado ou temperado, con verdade ou con engano, mostran o que a persoa é no seu interior.
**12**, 28 Vida e morte nas acepcións de vida plena, venturosa, longa; ou de ir morrendo, desaparecer antes de tempo, levar a morte aos demais sancionan os "camiños" da xustiza ou da necidade.

**13** [1]O fillo asisado acolle a disciplina paterna,
o petulante non dá escoita á reprensión.
[2]Un home pode xantar abondo do froito do seu falar,
mais o degoiro dos traidores é a violencia.
[3]Quen garda a boca, garda a vida,
o laretas busca a súa ruína.
[4]Moito ansía o nugallán, mais en van;
en troques, a arela dos dilixentes vese cumprida.
[5]Odia o xusto as verbas mentireiras,
o malvado deshónrase e deshonra.
[6]A xustiza garda o home sen chata,
a desgraza bota abaixo o pecador.
[7]Hai quen se fai o rico e non ten nada
e quen pasa por pobre e reborda de bens.
[8]Algúns coa riqueza rescatan a vida,
o pobre non teme as ameazas.
[9]A luz dos xustos refulxe,
a candea dos malvados esmorece.
[10]O testalán fai xurdir liortas coa súa fachenda,
a sabedoría está cos que se aconsellan.
[11]Riqueza gañada axiña pouco dura,
o que a xunta pouco a pouco, aumentaraa.
[12]Esperanza aprazada fai adoecer o corazón,
arela cumprida é unha árbore de vida.
[13]Quen despreza o mandato, arruínase;
a quen respecta a norma, iralle ben.
[14]O ensino do sabio é fonte de vida
que afasta das trapelas da morte.
[15]O bo sentido gaña favores,
as maneiras dos falsos son a súa perda.
[16]O astuto todo o fai con siso,
o parvo espalla necidade.
[17]O mensaxeiro malvado fai caer en desgraza,
o mensaxeiro fiel leva curación.
[18]Pobreza e vergonza para o que desbota a instrución,
mais quen escoita a crítica acadará honra.
[19]Desexo satisfeito, dozura para o espírito;
para os necios é un horror apartarse do mal.
[20]Vai onda os sabios: volverás sabio;
quen fai compaña aos necios, terá que sufrir.
[21]A desfeita persegue os pecadores,
os bos son premiados con felicidade.
[22]A herdanza do home bo chega ata os netos,
o pecador xunta a fortuna para o xusto.
[23]Agra de ricos dá moita mantenza,
mais pérdese por falta de xustiza.
[24]O que aforra vara, odia ao seu fillo;
quen lle ten boa lei dáse présa en corrixilo.
[25]O xusto xanta a boca chea,
o bandullo dos perversos fica baleiro.

**13**, 7-8 Polaridade pobres/ricos, frecuente nesta colección. A pobreza é pensada como algo culpable, efecto de abandonar a agricultura (**10**, 4a; **14**, 4a; **14**, 23b) ou de ser "malvado". A riqueza é algo de desexar, e correspóndese coa dilixencia e co traballo. Con todo, ás veces, é froito da inxustiza (**13**, 11a. 22b), mais nese caso esmorece (**11**, 24a), é inútil (**11**, 4a); e quen nela afiúza, pérdese (**11**, 28a). Nesta colección, por vez primeira, a riqueza é relativizada ata formularse o desexo de ser pobre con tal de ser xusto (**15**, 16).
**13**, 21 Nova formulación da lei de retribución intramundana, dogma da ética dos sabios.
**13**, 24 A pedagoxía escolar do mundo escribal non aforraba o castigo corporal. A autoridade do mestre era incontestable e frecuentemente traída á memoria, como se ve nos papiros con exercicios de escritura e nas cartas escolares exipcias.

**14** [1]A muller sabia constrúe o seu lar,
a tolemia destrúeo coas propias mans.
[2]Quen ten bo proceder, teme o Señor,
o de camiños tortos, desprézao.
[3]O falar do parvo é unha vara nas súas costas,
as palabras dos sabios defenden.
[4]Falta de gando, mingua de gran;
forza no boi, colleita farturenta.
[5]Testemuña de lei non mente,
testemuña falsa burbulla mentiras.
[6]O burleiro procura sabedoría e non a atopa,
mais para o intelixente o saber é cousa doada.
[7]Fuxe do rastro do tolo,
non encontrarás nel labios asisados.
[8]O saber do astuto acláralle o camiño,
a tolemia dos parvos lévaos ao engano.
[9]Os necios búrlanse da culpa,
os honrados distinguen o facer axeitado.
[10]Só o espírito sabe da propia amargura,
ningún alleo ten parte na súa ledicia.
[11]O casal dos perversos vénse abaixo,
a tenda dos honrados prospera.
[12]Ás veces coida un que é recto o seu camiño
e, ao remate, vai dar na morte.
[13]Mesmo no rir sofre o corazón
e a ledicia acaba na dor.
[14]O renegado fartarase do seu proceder
e o home bo, do das súas obras.
[15]O inxenuo dá creto ao que sexa,
o asisado calcula os seus pasos.
[16]O sabio é cauto e afástase do mal,
o parvo chímpase tan seguro.
[17]O impulsivo fai toladas,
mais o que bota contas agarda.
[18]Os inxenuos teñen por herdanza a necidade,
o asisado abrangue o saber.
[19]Os malvados dobréganse diante dos bos
e os impíos, ás portas do xusto.
[20]O pobre é odiado mesmo polo seu compañeiro,
o rico ten amigos a milleiros.
[21]Quen aldraxa o seu veciño, peca;
bendito quen se apiada dos pobres.
[22]Por caso non erran os que argallan o mal?
A bondade e a fidelidade son para os que fan o ben.
[23]Todo traballo ten o seu proveito,
mais o parolar leva á miseria.
[24]A coroa dos sabios é a súa riqueza,
diadema dos insensatos é a necidade.

**14**, 5 O mundo do dereito está pouco representado na colección. Non se citan casos concretos xurídicos (quizais **11**, 15), mais comparece por tres veces a función da testemuña (**12**, 17; **14**, 5. 25) coa demanda de veracidade, tan necesaria na composición dos preitos entre veciños nas disputas "á porta": o concello dos anciáns do lugar.
**14**, 10. 12-13 Casos excepcionais na colección de observación psicolóxica; ilustran a soidade dun ánimo senlleiro no tocante a amarguras ou ledicias internas, no caso do descoñecemento do destino, e na ambigüidade das aparencias respecto aos sentimentos reais.
**14**, 21 A misericordia e a compaixón cos pobres é virtude maior no mundo agrícola, e repite a bondade de Deus, que tamén dá o seu favor aos desherdados. Ese trato fundaméntase na igualdade das criaturas e na defensa do dereito do pobre por parte de Iavé (cf o v. 31, máis ético e xeneroso, anticipador do N. T.).

25 Testemuña de fiar, salva vidas,
o perxuro é un enredante.
26 O temor do Señor é a fortaleza dun home,
para os seus fillos é un refuxio.
27 O temor do Señor é fonte de vida
que afasta das trapelas da morte.
28 Pobo numeroso é orgullo do rei;
mingua de xente, ruína do príncipe.
29 Demostra bo siso o lento na ira,
quen ten arroutadas ben proba que é parvo.
30 Ánimo temperado, saúde no corpo;
a envexa corroe os ósos.
31 Quen asoballa o pobre inxuria o seu creador
e faille honra quen acorre a un mendigo.
32 Pola súa malicia, o malo é refugado,
mais ten confianza o xusto cando morre.
33 En mente atinada, mora a sabedoría;
no interior dos necios, expira.
34 A xustiza fai grande unha nación,
o pecado é a desgraza dos pobos.
35 O favor do rei vai ao ministro avisado;
a súa carraxe, ao desvergonzado.

**15** 1 Unha resposta doce alonga a cólera,
unha verba ferinte acende a ira.
2 A lingua dos sabios fai destilar saber,
a boca dos tolos burbulla tolemia.
3 Os ollos do Señor atópanse en todo,
vixiando tanto os malos coma os bos.
4 Unha lingua apracible é árbore de vida;
cando é perversa, fere no espírito.
5 O tolo despreza a corrección paterna,
mais tórnase asisado quen ten en conta a reprensión.
6 No casal do xusto reina a fartura;
nas ganancias do impío, a inquietude.
7 Labios de sabios espallan saber,
o matinar do impío non acouga.
8 Aborrece o Señor a ofrenda dos impíos,
mais a pregaria dos rectos acada o seu favor.
9 Aborrece o Señor a conduta do impío,
mais ao que procura a xustiza tenlle amor.
10 Terá un severo castigo quen aparta do seu vieiro
e quen refuga a reprensión vai dar na morte.
11 O xeol e a perdición están ante os ollos do Señor,
canto máis as mentes dos humanos!

**14**, 26-27 *O temor do Señor*, que vén ser a vivencia do transcendente e a conduta de acordo con ela (cf **14**, 2) é a mellor herdanza para os fillos: é aseguralos na vida. Non é polo tanto un sentimento, senón unha actitude vital; é algo interno que Deus sabe descubrir (**15**, 3-11).
**14**, 28 A figura do rei asoma neste verso e no v. 35; aquí, para aludir ao reflexo que a súa actitude debe ter no pobo; no v. 35, presentándoo como garante da relación de retribución. Na totalidade da colección a penas vén citado o rei; interesan máis as relacións éticas como tales ca o garante externo delas.
**15**, 3 As afirmacións específicas acerca da figura e obrar de Iavé non son moitas: fálase del como creador, en **14**, 31. No presente c. (vv. 3 e 11), da súa omnisciencia. O culto é aludido en **15**, 8, mais non se pode deducir dese v. unha posición verbo da relixiosidade oficial. Se os profetas condenaron o culto baleiro e o desprezo da alianza, os sabios non falan desta e refírense a aquel soamente en canto ten unha dimensión ética de coherencia coa vida.
**15**, 11 Mesmo o *xeol* (morada dos mortos) e o "Abaddón" (lugar do afundimento, da perdición), tan lonxe do terceiro ceo, están diante dos ollos de Deus. Isto constitúe unha declaración de dominio total, pois nas relixións coetáneas o reino da morte ficaba inaccesible aos deuses do panteón celeste.

12 Non lle agrada ao burleiro que o critiquen
nin se reúne cos sabios.
13 O corazón feliz alegra a cara,
o sufrir interno creba o espírito.
14 O de ánimo sensible procura o saber,
a boca dos necios fártase de parvadas.
15 Todos os días do desgraciado son tristes;
para o de ánimo alegre, un banquete continuo.
16 Mellor é un pouquiño con temor do Señor
ca moreas de bens con inquedanza.
17 Mais vale cunca de grelos con cariño
ca xato cebado con xenreira.
18 Home acalorado fai alampar a liorta,
o cachazudo pon sosego na disputa.
19 O camiño do preguiceiro ten por sebe as silveiras,
o vieiro do recto está ben calcado.
20 Un fillo sabio alegra a seu pai,
o necio deshonra a súa nai.
21 A tolemia é troulada para o falto de siso,
o home intelixente camiña a dereitas.
22 Onde non se fai xuntanza, malógranse os plans,
pero cúmprense cos moitos conselleiros.
23 Que ledicia para un home saber responder por si!,
e, que boa é unha palabra ao seu tempo!
24 Hai un vieiro de vida –costa arriba– para o sabio,
para se afastar do xeol –costa abaixo–.
25 O Señor destrúe o casal dos fachendosos,
pero afinca o lindeiro da viúva.
26 Aborrece o Señor as malignas matinacións,
mais as verbas axeitadas son limpas.
27 O famento de lucro arruína a súa casa;
quen odia os regalos interesados vivirá.
28 A mente do xusto medita antes de responder,
a boca dos perversos burbulla maldades.
29 Apártase o Señor dos perversos,
pero escoita a pregaria dos xustos.
30 Uns ollos brillantes alegran o corazón,
unha boa noticia fortalece os ósos.
31 Oído que escoita a corrección saudable
asentará no medio dos sabios.
32 Quen refuga a instrución rexeita a vida,
quen dá escoita á corrección faise asisado.
33 O temor do Señor é escola da sabedoría,
pois a humildade precede á gloria.

**Antoloxía "B"**

**16** 1 Cousa do home é ordenar os pensamentos,
mais a resposta da lingua vén do Señor.
2 Todo o proceder dun home semella recto aos seus ollos,
pero é o Señor quen sopesa os motivos.
3 Ofréndalle ao Señor os teus feitos
para que os teus proxectos saian ben.

**15**, 16-17 Dous xuízos de valor comparativo, con matizacións de grande elevación moral.
**16**, 1-**22**, 16 Antoloxía "B": a sección ou antoloxía "B" da colección **10**, 1-**22**, 16, configúrana unha chea de "maxais" máis agrupados que na sección previa. Na súa meirande parte aseméllanse a consellos en segunda persoa. Proliferan os paralelismos sinónimo e sintético (cf Introdución) e amosan en número abondoso símiles e comparanzas.

4 Todo o fixo o Señor cun designio;
mesmo o malvado, para o día da desfeita.
5 O ánimo soberbio aborréceo o Señor,
tarde ou cedo non sairá impune.
6 Coa bondade e a verdade, púrgase a culpa;
e temendo ao Señor, evítase o mal.
7 Cando o Señor se comprace no proceder de alguén,
mesmo os seus inimigos lle van ofrecer as paces.
8 Máis conta ten ter pouco honradamente
ca moreas de bens con inxustiza.
9 A mente humana proponse un camiño,
mais é o Señor quen afianza o paso.
10 Dos labios dun rei sae un oráculo,
a súa boca non erra no veredicto.
11 Romana e balanzas xustas son cousa do Señor;
asunto seu, todas as pesas da caixa.
12 É un horror para os reis que se cometa un crime,
pois na xustiza afíncase o seu trono.
13 Un rei asente aos labios veraces
e tenlles lei aos que falan rectamente.
14 Carraxe de rei: mensaxeira de morte;
o home sabio procura aplacala.
15 O raiolar do rostro do rei trae a vida,
o seu favor é coma roibéns de orballo.
16 Moito mellor ca o ouro, adquirir sabedoría;
preferible á prata, mercar intelixencia!
17 Vía real dos xustos é o afastarse do mal,
garda a súa vida quen vixía a propia conduta.
18 Por diante da desfeita vén o orgullo
e antes da caída, a fachenda.
19 Mellor é ser humilde entre os pobres
ca ter parte no botín dos opresores.
20 O que as colle ao voo, medra,
pero feliz é só quen espera no Señor.
21 O de mente aleuta ten sona de entendido
e a fala doce promove a comprensión.
22 O bo siso é manancial de vida para quen o posúe,
pero a crítica dos necios é necidade.
23 A mente do sabio fai atinado o seu falar,
polos seus labios progresa a doutrina.
24 Panal de mel son as palabras xeitosas,
doces para a gorxa, saudables para os ósos.
25 Coidaba alguén que o seu camiño era recto
e, ao remate, levaba á morte.

En canto ao contido, sen ser o tema unitario, pasa ao posto central a figura de Iavé, o seu xuízo e a súa obra, nun esbozo teolóxico que fai del algo máis ca unha mera garantía da orde humana. Outra figura moi salientada é a do rei, do que se presentan as calidades demandadas (xustiza, bondade, fidelidade, sabedoría) e o seu deber a prol do dereito, se ben cunha certa distancia crítica ao relativizalo como instrumento de Deus (cf **21**, 1).
**16**, 1-7. 9. 11 O Iavé presente en todos os acontecementos ameaza (v. 5) e salva (v. 7) como xuíz da vida humana; deste xeito provoca a actitude de respecto, xa que o home se relaciona con El ás veces culpablemente (v. 6). O home é criatura súa (v. 4). El, como creador, é o dono das medidas xustas (v. 11), está mesmo por riba da lei "obra-efecto" (vv. 1. 9) e, como ser superior, pode someter á proba (v. 2). En definitiva, afírmase a súa absoluta soberanía e o seu misterioso obrar, que intervén no corazón do home adiantándose aos feitos.
**16**, 10. 12-15 O cadro do rei é en conxunto positivo, e ás veces podería substituír as funcións de Iavé (cf v. 13, onde dá o seu favor e amor ao xusto). En xeral, preséntase como o defensor da equidade e a xustiza (v. 12), terrible na ira (v. 14) e benfeitor cando favorece a vida (v. 15); o que non lle quita un certo aspecto perigoso (v. 14).
**16**, 21-23 Decisiva para ser ou chegar a sabio é a capacidade do "corazón" (entendemento, discernimento) e o se saber expresar axeitadamente.

26 A fame do obreiro traballa por el,
pois aguilloa a súa boca.
27 Home malicioso cava malicias
como se un lume alampase nos seus labios.
28 Home perverso provoca liortas
e o difamador separa do amigo.
29 Home violento engana o seu próximo,
conducíndoo por un mal camiño.
30 Quen torce a ollada, matina intrigas,
quen remorde os labios, xa fixo o mal.
31 Coroa de gloria son os cabelos brancos,
chégase a eles polo vieiro da xustiza.
32 Máis vale o temperado heroe
e quen domina a paixón ca o que conquista unha vila.
33 Reméxense as sortes no pano,
mais a decisión vén toda do Señor.

**17** 1 Mellor é a codia seca con paz
ca a casa farta de matanzas e discordia.
2 O criado asisado chegará a mandar nun fillo innobre
e irá ás partes na herdanza cos irmáns.
3 O crisol proba a prata; o forno, o ouro,
e o Señor é quen proba os corazóns.
4 O malicioso presta oído a labios argalleiros
e o mentireiro ponlle a orella á lingua maldicente.
5 Quen se burla do pobre, insulta o seu creador;
quen se alegra na desgraza, non quedará impune.
6 Coroa dos vellos son os netos
e adorno dos fillos son os pais.
7 Non di ben no parvo un falar escolleito,
moito menos no nobre a fala mentireira.
8 O suborno é un amuleto aos ollos de quen o emprega:
onde queira se torne, terá éxito.
9 Quen encobre unha chata, procúrase un afecto;
quen repite un rumor, perde un amigo.
10 Unha reprensión ten máis efecto no home asisado
ca cen fungueirazos no parvo.
11 O argalleiro non procura máis ca liortas,
pero seralle enviado un cruel mensaxeiro.
12 Atope eu unha osa que perdeu as crías
e non ao parvo na súa tolemia!
13 Quen paga ben con mal
non aparta a desgraza do seu casal.

**16**, 27-30 Recollen catro tipos de maldade humana que destrúen a comunicación e a vida social. Todos eles supoñen unha intención torcida anterior e unha falsificación na expresión verbal.

**16**, 33 Refírense ao procedemento de solución de casos xurídicos ou oraculares pola ordalía de botar as sortes; ilústrase así a nova visión dunha orde que Iavé pode superar pola súa decisión totalmente libre, por riba de todo fado e determinismo.

**17**, 8 A presentación realista dos procedementos do rico (suborno e regalos) vai constatada sen consideración ética expresa neste verso, así como en **18**, 16; **19**, 4. 6; **21**, 14. A riqueza, con todo, é presentada frecuentemente como efecto dun comercio ilegal ou dun comportamento inxusto (**16**, 8; **17**, 1; **19**, 1. 22; **20**, 21; **21**, 6). A riqueza sen humildade e sen o temor de Deus non dá a vida (**20**, 21; **22**, 16).

**17**, 12 O mundo da natureza, citado nesta parte da colección, é limitado e específico: animais de caza (león, cachorros, osos: cf **19**, 12; **22**, 13); valoración da auga e das fontes (**16**, 22; **18**, 4; **20**, 5) e dos produtos alimenticios (pan, viño, licor, aceite e mel). A agricultura, valorada no seu, é pouco citada (cf **20**, 4); en troques o comercio e as vendas (**17**, 16), a habilidade nos tratos (**20**, 14), a citación de produtos de luxo ou elaborados (ouro, prata, corais: **16**, 16; **20**, 15) fan resoar o ambiente mercantilista da vila.

14 Encetar un preito é como ceibar a auga:
retírate antes que comece o proceso.
15 A quen absolve o culpable e a quen condena o xusto,
a ambos os dous aborrece o Señor.
16 De que serve a paga na man dun parvo?
Para mercar sabedoría? Pero se non ten siso!
17 Un amigo ama en todo tempo
e un irmán nace para a hora da adversidade.
18 O falto de siso vai dando apertas de mans,
saíndo fiador por outro.
19 Quen ama a culpa, ama a liorta;
quen constrúe a porta alta de máis, busca a ruína.
20 O retranqueiro non atopará a felicidade
e o de lingua falsa irá dar na desgraza.
21 Quen tivo un fillo parvo cargou con boa coita,
pois non ten lecer o pai dun tolo.
22 Ánimo ledo, corpo rufo;
o espírito abatido seca a cana dos ósos.
23 O malvado tira do peto o suborno
para desviar o curso da xustiza.
24 O intelixente ten os ollos na sabedoría,
os ollos do badoco andan aos biosbardos.
25 Fillo tordo é mágoa de seu pai,
tristura para a nai que o deu.
26 Abofé que non está ben multar o inocente,
aínda menos mallar sen xustiza na xente de ben.
27 No aforro de palabras apréciase o sabio
e quen mantén o sangue frío é home de tino.
28 Mesmo o tolo calado pasa por sabio;
quen pecha a boca, por intelixente.

# 18

1 O que anda apartado procura manías
e disente de calquera plan.
2 O necio non se comprace na prudencia,
senón tan só nas súas matinacións.
3 Onde chega a maldade, chega o desprezo;
coa mala sona chega a aldraxe.
4 Augas profundas son as palabras dun home,
canle a burbullar, fonte de sabedoría.
5 Inicuo é favorecer o culpable
e prexudicar o inocente co veredicto.
6 Labios de necio levan a preito,
a súa boca chama á liorta.
7 A boca do necio é a súa propia ruína
e os seus labios son para el mesmo unha trampa.
8 Verbas de intrigante son como lambetadas
que penetran no máis fondo do ventre.
9 O neglixente no seu traballo
é irmán do destrutor.
10 O nome do Señor é forte torreón:
acóllese nel o xusto e acouga seguro.

**17**, 14. 15 O mundo do dereito, dos preitos e os xuízos é frecuente e significativo nesta antoloxía. Xunto coa crítica a xuíces subornados (**17**, 23) e a xuízos falsos (**17**, 5) atópase a constatación da dificultade do oficio de xulgar (**18**, 17) e a confianza no rei como instancia suprema (**16**, 10). Sen embargo, a ordalía mantense en uso (**16**, 10; **18**, 18). De feito, coa chegada da monarquía, o rei, e subsidiariamente os xuíces vilegos, constituíronse nunha especie de tribunal supremo para os casos non resoltos nos "tribunais da porta" dos lugares. "Xulgar" equipárase a "gobernar" na visión de Gabaón na que Salomón demanda o máis necesario para o ben do pobo (1 Re **3**, 9).

11 A facenda do rico é o seu castelo fortificado,
considéraa coma unha alta muralla.
12 O corazón do home érguese orgulloso antes da desfeita,
pero é a humildade a que precede á gloria.
13 Quen responde unha cuestión antes de escoitar
conseguirá fatuidade e mais vergonza.
14 Ánimo baril sostén no sufrimento,
pero quen soerguerá un ánimo decaído?
15 Mente prudente acada o saber,
oído de sabios procura a ciencia.
16 Regalos abren camiños
e levan a ter tratos cos grandes.
17 O primeiro en falar nun preito semella levar razón,
ata que chega o outro e fai a réplica.
18 A sorte apaga as contendas
e decide entre os potentes.
19 Irmán ofendido péchase máis ca unha fortaleza
e as liortas son ferrollos de castelo.
20 Do froito da súa boca énchese o ventre do home
e fártase co produto dos seus labios.
21 Morte e vida están no poder da lingua;
dos froitos que prefira, xantará.
22 Quen encontra muller encontra un ben
e recibiu favor do Señor.
23 O pobre fala xemendo,
o rico responde bruando.
24 Hai compañeiros só para parolar
e hai amigos máis íntimos ca irmáns.

**19** 1 Mellor é pobre de recto proceder
ca rico de falar retorcido.
2 Vitalidade sen siso non vale ren,
pés inquedos dan no erro.
3 A necesidade do home tórceo na súa conduta
e con todo o seu ánimo irrítase contra o Señor.
4 A fortuna amorea amigos,
mais o pobre é abandonado polo propio veciño.
5 Falsa testemuña non ficará impune
nin fuxirá o perxuro da xustiza.
6 Cortexan moitos o favor do nobre,
todos son amigos para o que fai agasallos.
7 Odian o pobre todos os seus irmáns;
moito máis se apartarán del os veciños!:
está aínda a falar e xa fuxiron.
8 Quen adquire bo siso ámase a si mesmo;
quen garda prudencia atopará a felicidade.
9 Testemuña falsa non ficará impune
e o perxuro perecerá.
10 Non cadra co necio a boa vida
e menos aínda que un escravo goberne nos príncipes.
11 O home sabio móstrase tolerante;
a súa gloria é deixar de lado a ofensa.
12 Bruar de león é a xenreira do rei,
mais coma orballo na herba é o seu favor.

**18**, 12 Pensamento afín ao de que "o que se enxalza será humillado", dos evanxeos (Mt **23**, 12; Lc **14**, 11; **18**, 4).

13 Fillo insensato, estrago para o seu pai;
muller que enreda, goteira constante.
14 Casal e fundamento hérdanse dos pais,
mais a muller competente dáa o Señor.
15 A preguiza leva ao sono,
mais o indolente pasará fame.
16 Quen garda o mandamento garda a vida;
quen rexeita a súa autoridade morrerá.
17 Quen é bo co pobre préstalle ao Señor,
que lle reparará cumpridamente a débeda.
18 Corrixe ao teu fillo mentres haxa esperanza,
pero non te deixes levar ata matalo.
19 Quen fai alampar a ira cargue co castigo:
se o deixas pasar por alto, anímalo a repetir.
20 Escoita o consello e acepta a represión,
para que ao remate sexas sabio.
21 En moitos proxectos matina o home,
mais é o plan do Señor o que se impón.
22 O que se demanda dun home é a lealdade,
pois máis vale pobre ca falso.
23 O temor do Señor promove a vida:
pódese un deitar farto sen ser visitado pola desgraza.
24 O preguiceiro mete a man na cunca
e xa non ten azos nin para volvela á boca.
25 Malla no burlón e o inxenuo farase asisado;
reprende o axuizado e aumentará o seu saber.
26 Quen dá maltrato a seu pai e desbota a súa nai
é un fillo deshonrado e infame.
27 Meu fillo, se deixas de atender a corrección,
errarás lonxe das palabras prudentes.
28 A testemuña perversa búrlase da xustiza,
as bocas dos malvados engulipan o crime.
29 Para os burleiros prepáranse fungueiros
e para os lombos dos parvos, zorregadas.

# 20

1 O viño é burleiro e a augardente cacholana,
ninguén a quen eles acaneen chegará a sabio.
2 Ruxir de león é a xenreira do rei:
quen nela incorre, xoga a vida.
3 Honor é para calquera desistir dun preito,
pois mesmo o último parvo sabe amañar unha liorta.
4 O preguiceiro non ara no outono:
busca despois a colleita, e nada.
5 O proxecto é auga profunda na mente do home,
o entendido sabe tirala fóra.
6 Moitos proclaman a súa lealdade,
mais quen atopa un home de fiar?
7 O xusto procede integramente:
Benia os fillos que o sucedan!
8 Asenta o rei na sede do tribunal
e xa coa ollada disipa toda a maldade.

**19**, 13-14 Comparece xa o tema da muller e o que ten de bendición e maldición: pode ser unha graza de Deus (**18**, 22) ou crear unha situación insoportable (**21**, 9).
**19**, 21 A superioridade do plan ("esah") de Iavé respecto do dos homes é un dos motivos teolóxicos da colección, na que Iavé aparece como totalmente superior (cf **16**, 33; **20**, 24; **21**, 1), o que non exclúe presentalo como director providencial da vida humana (**18**, 22; **21**, 31).
**20**, 5 O consello, proxecto asisado e eficaz, nace do coñecemento dos máis fondos niveis de conciencia e intención ("corazón").

9 Quen pode dicir: "Teño limpa a conciencia,
estou ceibe de pecado?".
10 Pesas alteradas, medidas cambiadas:
a ambas as dúas aborrece o Señor.
11 Polos seus feitos mostra xa un rapaz
se o seu proceder é limpo e recto.
12 Oído atento e ollo observador,
ambos os dous son obra do Señor.
13 Non collas gusto ao sono, non sexa que empobrezas;
érguete cedo e encheraste de pan.
14 "Malo, malo", di o feirante,
e despois vai gabándose do trato.
15 Existe o ouro e moreas de perlas,
mais os labios sabidos son un raro tesouro.
16 Cóllelle mesmo o vestido a quen deu aval por un estranxeiro
e tómalle peñor a quen saíu fiador por un alleo.
17 Sábelle ben á xente o pan da falsidade,
mais despois a boca énchelle de cascallo.
18 Os proxectos asegúranse no consello;
fai, por tanto, a guerra con estratexia.
19 Quen vai parolando descobre segredos:
non te xuntes co lingoreteiro!
20 A quen maldí do seu pai e da súa nai,
esmorézalle a candea na tebra máis fonda.
21 A facenda feita ás presas no comezo
non medrará ao remate.
22 Non digas: "Hamas pagar";
afianza no Señor, que El te axudará.
23 Aborrece o Señor as pesas falsas,
nin é xusto pór trampa na balanza.
24 Do Señor proceden os pasos do home:
que poderá este saber do seu camiño?
25 Para moitos é unha trampa farfallar: "Prometido",
e pensar só despois de feitos os votos.
26 Un rei sabio aventa os malvados
e fai pasar sobre eles a roda.
27 O espírito do home é candea do Señor
que enxerga todos os recunchos das entrañas.
28 Lealdade e firmeza protexen un rei
e na clemencia afinca o seu trono.
29 Gloria dos homes novos é a súa forza,
o ornamento dos anciáns son os cabelos brancos.
30 Ferida que sangra purga do mal;
e os golpes, o interior das entrañas.

**21** 1 Como as canles da auga, a mente do rei está na man do Señor,
el víraa para onde quere.

**20**, 9 Salienta o peso interiorizador da relixiosidade desta colección, ao ter en conta o sentido de culpa mesmo no home xusto. As raras alusións feitas ao culto (**20**, 25; **21**, 3. 27) farán énfase na interioridade e responsabilidade persoal a propósito de sacrificios e votos, por riba da execución material externa.
**20**, 18 Sobre a *guerra* fálase en dous proverbios: da necesidade de preparala (**20**, 18); ao mesmo tempo, da dependencia de Iavé (**21**, 31).
**20**, 26 *A roda* á que se fai alusión, é a do carro da trilla (cf Is **28**, 27).
**20**, 27 Raro uso da verba "nexmah", de seu "folgo vital", aquí empregada no sentido de espírito interno. Suxire a forza de discernimento interior na conciencia do home: esa capacidade é tamén don luminoso de Iavé.
**20**, 28 Na paralelización das funcións de Iavé e do rei cara a manter a comunidade do pobo, chégase mesmo a dedicarlle ao rei as calidades do Deus da alianza: a lealdade e fixeza no propósito.

[2] Todo o proceder do home semella recto aos seus ollos,
pero é o Señor quen sopesa os motivos.
[3] Facer o recto e o xusto
prefíreo o Señor aos sacrificios.
[4] Ollar altivo e corazón orgulloso:
o facho dos impíos é o pecado.
[5] Os plans do dilixente dan boa renda,
pero quen anda ás présas anda ás perdas.
[6] Gañar tesouros con lingua embusteira
é sopro que foxe e trampa de morte.
[7] A violencia dos perversos arrástraos
por se teren negado a practicar o xusto.
[8] O proceder do arteiro todo é reviravoltas,
mais é recto o facer do home cabal.
[9] Mellor é habitar nun recuncho do faiado
ca con muller rifante en casa grande.
[10] O instinto do impío tende ao mal,
non repara con piedade no seu próximo.
[11] Cando o burlón as paga, aprende o inxenuo,
mais cando se instrúe a un sabio, el aumenta o seu saber.
[12] O xusto controla o casal do malvado
e precipita os impíos na ruína.
[13] Quen peche a orella ao laio do pobre
tamén el berrará e non será escoitado.
[14] Regalo baixo corda desvía a ira;
e suborno no peto, a máis fera xenreira.
[15] É ledicia do xusto o facer a xustiza
e unha desgraza para os malfeitores.
[16] Quen se desvía do vieiro da prudencia
rematará na compaña dos mortos.
[17] Quen gusta da esmorga rematará pobre
e quen se afai ao viño e ao perfume non enriquecerá.
[18] O malvado será o rescate do home de ben
e o traidor, o do home recto.
[19] Mellor é morar nun ermo
ca ter muller rosmona e rifante.
[20] Na morada dun sabio gárdanse tesouros desexables e requintados,
mentres que o parvo consómeo todo.
[21] Quen procura xustiza e lealdade
acada vida e mais honra.
[22] O sabio sabe como atacar un castelo de paladíns
e demoler a fortaleza na que afianzaban.
[23] Quen controla boca e lingua
garda a súa vida de estreituras.
[24] Leva alcume de petulante o fachendoso insolente,
que no actuar se pasa de presuntuoso.
[25] O degoiro do preguiceiro lévao á morte,
pois as súas mans refugan o traballo.
[26] Cobiza e máis cobiza todo o día!
Só o home de ben dá sen reserva.
[27] Sacrificios de impíos son de aborrecer
e aínda máis cando os fan de mala lei.
[28] A falsa testemuña desaparece,
mais o que sabe escoitar fala para sempre.

**21**, 3 A máxima ten aparencia de denuncia profética, se ben é un dos motivos tradicionais en todas as éticas sapienciais do Antigo Oriente.

**21**, 14 A verba *peto* traduce a volta ou "seo" da túnica, que cinguida por un cordón ao van, servía para portar obxectos pequenos, sobre todo diñeiro.

29 O perverso pon a forza nas aparencias,
o recto afianza a súa conduta.
30 Non hai sabedoría nin discernir
nin consello que valla diante do Señor.
31 Aparéllase o cabalo para o día da loita,
mais a vitoria é cousa do Señor.

**22** 1 Máis vale a boa sona ca a moita facenda
e o ser apreciado ca a prata e o ouro.
2 Rico e pobre véñense encontrar:
a ambos os dous fixoos o Señor.
3 O asisado ve o perigo e apártase;
os inxenuos tiran para diante e páganas.
4 Tras as pegadas da humildade e do temor do Señor
veñen a facenda, a honra e a vida.
5 Silvas e trapelas inzan o camiño do perverso,
quen mira pola súa vida apártase delas.
6 Afai o mozo ao seu vieiro:
aínda de vello non se apartará del.
7 O rico goberna nos pobres
e quen debe é escravo do que lle emprestou.
8 Quen sementa maldade recolle aflición
e vai dar nel mesmo a vara do seu exceso.
9 Os bos e xenerosos serán benditos,
xa que lles deron o seu pan aos pobres.
10 Bota fóra o cínico; rematará a liorta
e cesarán a rifa e mais a aldraxe.
11 O Señor ama a quen ten a mente limpa
e o de falar xeitoso ten por amigo o rei.
12 Os ollos do Señor protexen o saber,
mais confunden as verbas dos traidores.
13 Pretexta o preguiceiro: "Vai un león na rúa
e pódeme matar na encrucillada".
14 As verbas das estranxeiras son cova profunda,
o que o Señor refuga vai caer nela.
15 Apégase a tolemia ao corazón do mozo,
mais a vara da corrección é tal de a despegar.
16 Quen asoballa o pobre estao engrandecendo;
quen fai regalo ao rico estase a empobrecer.

## DITOS DE SABIOS

17 Inclina o oído e escoita as miñas palabras,
aplica a túa mente ao meu saber,
18 pois é axeitado que as gardes no teu seo
e que as teñas prontas nos teus labios.
19 Para que poñas a túa confianza no Señor,
tamén a ti vou eu instruír hoxe.

**22**, 2 Recolle a noción de igualdade fundamental de todas as persoas, en canto son feitura de Deus.
**22**, 4 Presenta os tres grandes bens que os mestres propoñen como meta dunha conduta sabia.
**22**, 9 "Tob-áyin" de seu significa "o de ollo bo", e inclúe o matiz de bondade na interpretación das cousas. O xiro, con todo, emprégase correntemente na acepción de xenerosidade. Velaí por que o traducimos como "bo e xeneroso", sen forzar o texto.
**22**, 16 A inxustiza feita ao pobre é unha arma na súa man; o favor de cumprido, feito ao rico, envilece.
**22**, 17-**24**, 22 Ditos de sabios. O descubrimento, no comezo deste século, das instrucións exipcias de reis, visires e grandes mestres, dedicadas aos seus fillos e herdeiros, subministraron materiais comparativos. En concreto, desde 1924 recoñeceuse a semellanza destes vv. coa "Instrución de Amen-em-ope", datable entre o 900 e o 700 a. C.

20 Abofé téñoche escritos trinta ditos,
consellos e ciencia por xunto
21 para te informar da verdade das palabras axustadas
e poidas así traer razóns exactas a quen te envíe.

22 Non despoxes o mendigo por ser tal
nin asoballes o pobre das portas,
23 pois o Señor defende a súa causa
e tiraralle a vida a quen malle neles.
24 Non te xuntes con home rifante
nin camiñes co que se alporiza,
25 non sexa que te afagas ás súas mañas
e vaias dar nunha trampa mortal.

26 Non andes dando apertas de man
nin saíndo garante de débedas;
27 se non tes recursos para as saldares:
por que expoñerte a que che incauten mesmo o leito?

28 Non removas os marcos de sempre,
que puxeron os teus devanceiros.
29 Viches alguén mañoso no seu oficio?
Poderá presentarse diante de reis,
non servirá a xente ignorada.

**23** 1 Cando sentes a xantar co xefe,
considérate ben de quen tes diante;
2 ponte ti mesmo unha navalla na gorxa
se es bo comedor;
3 que non te tenten as súas lambetadas,
pois son xantar que engana.

4 Non te esgotes en facer fortuna,
deixa de darlle voltas ao maxín;
5 apartas dela os ollos e esmorece,
pois pode botar ás
e, como a aguia, fuxir voando cara ao ceo.

A sabedoría de Israel foi internacionalista. Os sabios, nas súas lecturas, viaxes, contactos culturais, tomaron contacto coa sabedoría das grandes civilizacións exipcias e mesopotámica, e valoraron positivamente canto de bo e ético atoparon noutros pobos. De influxo exipcio son expresións como "escoitar", "sopesar no corazón", "disciplina"; os tipos humanos do "silencioso", "o acalorado"; fórmulas como «árbore da vida», eran comúns en todo o ámbito do crecente fértil; motivos como o da superioridade da oración sobre o sacrificio, a fraxilidade das riquezas, a prohibición de remover os lindeiros, supoñen unha ética común.

En xeral, a ética sapiencial de Israel diferénciase da dos veciños por ser máis universal e menos profesionalizada, coincidindo nisto cos grandes temas humanistas do Deuteronomio (país, muller, amizade, próximo, etc.). O concepto de xustiza non aferrolla a Deus nun determinismo fatal, senón que o deixa libre. Desenvólvese así moito máis o dogma da retribución, e resta sempre intacto o monoteísmo, que afonda na teodicea.

Cómpre advertir que, a partir de **23**, 12, o seleccionador, mantendo a estrutura de 30 ditos recibida do Amen-emope, deixa de recoller material desa instrución, para aproveitar outras fontes estranxeiras.

**22**, 24-25 Non facerse amigo do "acalorado", incapaz de control. A motivación non é, coma en Exipto, o medo á súa carraxe, senón a se asemellar a el, verdadeira trampa.

**22**, 26-27 O motivo é israelita e non ten paralelo no exipcio. A recomendación social presentada, xa a coñecemos de Pr **11**, 15; aquí o realismo do v. 27b faina máis drástica.

**23**, 1-3 O tema da etiqueta nos banquetes, sobre todo cando é unha persoa máis rica ou importante a que convida, forma parte do currículo da formación profesional do escriba xa desde as Instrucións de Ptah-hotep e Kaguemmni, datables entre o 2600 e 2400 a. C. O tema recollerao Ben Sírah (Eclo **31**-32), o mesmo ca os evanxeos (cf Lc **14**, 8-11). O sabio israelita inclúe o motivo moral do engano, que non estaba no orixinal.

6 Non vaias ao banquete do avarento
nin desexes as súas peperetadas;
7 é coma un pelo de través na gorxa.
Dirache: "Come e bebe!",
mais non lle interesas ren.
8 Vomitarás o que comiches
malgastando as túas amables razóns.

9 A oídos parvos non fales,
desprezarán o bo sentido das túas palabras.

10 Non removas os marcos de sempre
nin te metas nas leiras dos orfos,
11 pois o seu vingador é poderoso
e defenderaos no preito contra ti.

12 Pon mentes na corrección
e ten oído para as palabras instrutivas.

13 Non lle aforres o reproche ao mozo:
por que lle deas coa vara non vai morrer;
14 en troques, se o bates coa vara,
acaso o salves do xeol.
15 Meu fillo, se o teu corazón é sabio,
hase alegrar tamén o meu corazón
16 e reloucarán as miñas entrañas
se os teus labios falan axeitadamente.

17 Non sinta envexa a túa mente dos pecadores,
matine máis ben todos os días no temor do Señor;
18 dese xeito, agardarate un bo porvir
e a túa esperanza non será frustrada.

19 Escoita, filliño, e faraste sabio,
endereita a túa mente pola vía xusta.
20 Non te xuntes cos bébedos
nin cos tragadores de carne,
21 pois o bébedo e o larpeiro empobrecen
e darse á nugalla leva a vestir de farrapos.

22 Escoita a teu pai, que te xerou,
e non despreces a túa nai se vai vella.
23 Merca a verdade e non a vendas,
a sabedoría, a instrución e a intelixencia.

**23**, 6-8 *Avarento* traduce "cativo de ollo", que tamén pode ser o misántropo ou mal intencionado. No v. 7a outra lectura do orixinal hebreo podería ser: "pois é tal que só pensa en servirse a si mesmo"; pero a imaxe do pelo na gorxa aproxímase máis ao exipcio.
**23**, 10-11 É posible que haxa que corrixir o texto no primeiro hemistiquio, poñendo "da viúva" no posto do "de sempre". O par "viúva/orfo" é tradicional, e o texto exipcio achégao como mostra exemplar de desherdados e desasistidos xudicialmente. O "vingador" ou "goel" (cf Rut **3**, 10ss) é Deus "o potente" (no paso exipcio, o deus lunar).
**23**, 12 Este v. cómpre consideralo por separado de vv. 13ss, pois diríxese a un alumno de escola, mentres que o seguinte é unha instrución a un pai mestre. Xa a partir deste dito nótase unha segunda influencia na composición, que se vai prolongar deica o **24**, 22: a da "Sabedoría de Ahicar". Foi esta unha obra mesturada de instrución e colección de proverbios asirios, que se conserva soamente en traducións tardías, pero que remonta aos finais do Imperio (s. VIII). Escrito de amplo influxo na antigüidade, hai constancia de préstamos del en Tobías, Esopo e mesmo na literatura medieval europea dos apólogos, a través da versión árabe.
**23**, 17-18 O ton relixioso contrasta co realismo de amoestacións que virán máis adiante (a da prostituta nos vv. 26-28 e a do bébedo nos vv. 29-35), o que argumenta a favor da pluralidade de materiais empregados.

[24] Reloucará gozoso o pai do xusto;
quen xerou un sabio, aledarase con el;
[25] teu pai e túa nai encheranse de alegría
e exultará a que te deu.

[26] Meu fillo, préstame atención,
que os teus ollos aproben os meus camiños,
[27] pois cova profunda é a prostituta;
pozo estreito, a estranxeira;
[28] tamén axexa ela coma o atracador
e multiplica os traidores entre os homes.

[29] Quen di: "Ai!"? Quen grita: "Mamá!"?
De quen son os preitos e para quen os laios?
Quen leva sen motivo as zorregadas?
De quen son os ollos chispos?
[30] "Dos que se demoran no viño
e van catar os viños mesturados".
[31] Non olles para o viño cando pinta de vermello
e reloce na cunca: esvara lixeiriño,
[32] mais ao remate morde coma cobra
e pica coma víbora.
[33] Os teus ollos verán cousas estrañas,
a mente farate falar trabucado;
[34] estarás coma quen se deita na mareira
ou asenta no picouto do mastro.
[35] "Bateron en min e non me doeu,
calcáronme coma uva e non me decatei.
Cando volverei estar sobrio?
Aínda pediría outra rolda".

# 24

[1] Non envexes os malvados
nin desexes xuntarte con eles,
[2] pois as súas mentes matinan destrución
e os seus labios traman a desgraza.

[3] Un casal constrúese coa sabedoría
e afíncase co discernimento,
[4] as súas pezas énchense co saber
dos bens máis prezados e elegantes.

[5] Máis baril é o sabio ca o forzudo
e persoa de saber afianza o poderío,
[6] pois coa estratexia gañarás a guerra
e o triunfo está nos moitos conselleiros.

[7] A sabedoría queda lonxe do parvo:
o tal non abrirá a boca na asemblea da porta.

**23**, 26-28 De novo a conexión da boa disposición da mente coa recta conduta (v. 26). Despois, nunha linguaxe chea de crueza e connotacións, dúas metáforas e unha semellanza ilustran a comparanza entre a prostituta e unha cova para a caza de animais ("xuhah"): unha trapela estreita en forma de pozo, e un atraco. Esas imaxes serven ordinariamente como connotación do camiño de xeol, reino dos mortos.

**23**, 29-35 Os proverbios de Ahicar e mais a "Instrución exipcia de Ani" (de data veciña a Amen-em-ope) trataban con detalle o tema do bébedo.

**24**, 3-4 Este e mais os ditos que seguen son unha serie de sentenzas diversas sen ningún elemento de instrución. Na liña da prosperidade doméstica baseada nos valores intelectuais, o conseguir sona na comunidade presupoñía a coherencia na casa propia.

8 O que matina para mal
levará alcume de intrigante;
9 pecado é a intriga do necio
e a xente refuga ao cínico.

10 Se te mostras feble no tempo da proba,
feble era a túa forza.

11 Libera os condenados á morte,
non negues axuda aos que van ser executados,
12 xa que se despois dis: "Nós non sabiamos tal",
pensas que o que sopesa as intencións non se decata?
O que vixía a túa vida ben que o sabe,
el retribuirá a cadaquén conforme os feitos.

13 Filliño, toma mel, que che é bo,
o panal é doce ao padal;
14 tales son o coñecer a sabedoría para a túa vida:
se a acadas, terás futuro
e non será frustrada a túa esperanza.

15 Non axexes o casal do home xusto
nin destrúas o seu acougo,
16 pois se sete veces cae o home honrado, outras tantas se ergue,
mais os perversos tropezan e non se levantan.

17 Non te alegres cando caia o inimigo
nin botes risadas cando tropece,
18 non sexa que, ao velo, desagrades ao Señor
e retire del a súa xenreira.

19 Non te alporices contra os malvados
nin envexes os perversos,
20 pois o impío non ten futuro
e a candea dos perversos esmorece.

21 Meu fillo, teme o Señor e o rei,
non te comprometas cos que conspiran,
22 pois a súa desfeita sobrevén de súpeto
e quen sabe cando chegará a ruína das súas vidas.

## OUTROS DITOS DE SABIOS

23 Tamén estas máximas se atribúen aos sabios:
Dar un xuízo parcial non está ben.

**24**, 10 O v. debe entenderse como un "merismo" ou mera constatación de feito, e polo tanto independente das amoestacións instrutivas.
**24**, 11-12 Transcendental amoestación contra o absentismo culpable. Xa o mesmo Amen-em-ope denunciaba esa actitude.
**24**, 13-14 Dun consello inicial tirado dunha situación escolar sobre a saúde, pásase á metáfora sapiencial: a saúde física é só un aspecto da vitalidade total.
**24**, 15-16 No caso concreto exemplifícase unha doutrina da teodicea iavística: o xusto ("saddiq") nunca será vencido, por máis que caia. O seu final está asegurado.
**24**, 17-18 É característica a forma do argumento de precaución, e nova a idea do desagrado de Iavé ante esa actitude, que sería normal conforme á vixente lei de talión. O dito ten paralelos na Sabedoría de Ahicar.
**24**, 21-22 A religación da relixión co patriotismo non provén dunha asociación externa en razón de circunstancias, senón da teoría da monarquía como representante e responsable ante Iavé, o que facía do respecto ao rei un deber relixioso.
**24**, 23-34 Outros ditos de sabios. O título "Estes tamén son de sabios" encabeza, coa súa referencia velada a **22**, 17, un anexo posterior, engadido ás coleccións 2.ª e 3.ª quizais a modo de apéndice, coa intención de conservar para a posteridade máximas e amoestacións xulgadas como valiosas.

[24] A quen lle di ao culpable: "Tes a razón",
maldino os pobos, detéstano as nacións,
[25] mais os que os reprenden quedarán contentos
e virá sobre eles a bendición cumprida.
[26] Bica nos labios
quen responde francamente.

[27] Pon orde no teu traballo exterior,
arránxate na túa leira;
despois poderás construír a casa.
[28] Non fagas sen máis de testemuña contra o teu veciño,
gústache enganar coa boca?
[29] Non digas: "Farei con el o que el fixo comigo;
vaimas pagar conforme ao seu feito".

[30] Pasei pola leira do preguiceiro,
preto da viña do insensato,
[31] e estaba toda inzada de silveiras,
toda cuberta de estripos
e o valado de pedra derrubado.
[32] Ao velo, reflexionei;
ollalo foi aprender unha lección:
[33] dormes un pouco, moqueas outro pouco,
cruzas os brazos un intre para repousar
[34] e achégaseche a pobreza coma un moinante
e a necesidade coma un mendigo.

## TAMÉN ESTES SON PROVERBIOS DE SALOMÓN

**Antoloxía "A"**

**25** [1] Tamén estes son Proverbios de Salomón, transcritos polos homes de Ezequías, rei de Xudá.

[2] Gloria de Deus é agachar unha razón,
honra dos reis é inquirila.
[3] A altura do ceo, o fondo da terra
e a mente dos reis, non hai quen os abranga.

As formas representadas na sección son: dúas máximas (vv 23 e 26), un fragmento de instrución (vv. 27-29), unha constatación de feitos (vv. 24-25) e unha descrición de experiencia persoal e moral (vv. 30-34).

**24**, 26 Do xesto do saúdo cordial entre irmáns e amigos dedúcese que a franqueza é amizade verdadeira.

**24**, 27-29 O fragmento de instrución comprende os temas da boa organización do traballo, da veracidade no testemuño e da superación do talión pola caridade. Esta é a intuición ética dos sabios, que supera o moralismo leguleio. Nos "Preceptos e Admonicións" babilonios xa se dicía: "Non devolvas mal ao home que rifa contigo. Mantén a xustiza co teu inimigo. Sorrí ao teu adversario".

**24**, 30-34 O tipo nugallán (coma antes o de bébedo: **23**, 29-35) queda reflectido nunha composición autobiográfica á maneira de cadro exemplar. Da experiencia tírase un "musar" (v 32b): que a indisciplina da preguiza leva á desfeita social paseniño e sen o home se decatar.

**25-29** Tamén estes son Proverbios de Salomón. A colección de "maxais" que presentan estes cc. ocupa na orde total do volume o quinto posto, mais na cronoloxía dos materiais pode que conteña algúns dos máis antigos da escolma.

Coma no caso da 2.ª colección (**10**, 1-**22**, 16), a crítica literaria descobre dúas antoloxías previas, conforme os indicios sociolóxicos e formais: "A": cc. **25-27**; "B": cc. **28-29**.

**25-27** Antoloxía "A". A peculiaridade da antoloxía "A" distínguea das outras tres en primeiro lugar pola forma: case a metade son proverbios comparativos; unha cuarta parte son amoestacións; danse agrupacións en torno a un tema e proverbios espallados por máis de dous vv.

En canto á temática nótase un aire case exclusivamente secular con poucas referencias relixiosas, onde abunda un sentimento de admiración pola natureza e un alto aprecio da agricultura. En troques, os trazos de cultura e vida urbana fanse moi presentes, mentres non se di apenas nada das posibilidades da comunidade labrega nin das oposicións sociais xurdidas no seu medio. Todo fai pensar, non nunha colleita de proverbios do mundo campesiño, senón nunha instrución destinada a agricultores podentes e composta por sabios profesionais.

**25**, 1-7 Catro máximas acerca da figura do rei. Lóase a súa intelixencia e o papel investigador da verdade nos casos que debe xulgar (v. 2b); existe un lixeiro distanciamento verbo das súas intencións (v. 3) e unha aberta crítica dos que o rodean (vv. 5a 6).

4 Remove a escoura da prata
e o ourive fará dela unha obra de arte;
5 aparta o malvado do servizo do rei
e o seu trono afincará na xustiza.

6 Non te deas aires na presenza do rei
nin ocupes os postos dos grandes;
7 mellor é que che digan: "Achégate aquí",
ca ter que ser deposto diante da nobreza.

O que os teus ollos viron
8 non te apures a citalo no proceso,
pois que farás ao remate,
cando o teu contrincante te dea avergonzado?

9 Arranxa o teu preito co veciño
e non descubras segredos doutro,
10 non sexa que quen te escoite te inxurie
e non se poida reparar a túa infamia.

11 Mazás douradas en bandexas de prata
son as palabras ditas con xeito.
12 Anel de ouro e alfaia de ouro fino
é a reprensión dun sabio para o oído atento.
13 Frescor de neve nun día de seitura
é o mensaxeiro fiel para quen o envía:
reconforta o ánimo do seu amo.

14 Nubes e vento sen chuvia
é quen se gaba de regalar quincalla.
15 Tendo paciencia persuádese un príncipe,
pois unha lingua suave quebra ósos.
16 Se atopas mel, come só o que cómpre,
non sexa que te fartes e o vomites;
17 pon o pé de raro en raro na casa do veciño,
non sexa que se farte de ti e che queira mal.

18 Maza, espada e frecha afiada
é quen testemuña en falso contra o amigo.
19 Moa picada e pé tolleito
é afianzar no traidor o día da angustia.
20 Andar espido nun día de xeada,
botar vinagre nunha ferida:
iso é o cantar cántigas co corazón magoado.

21 Se o teu inimigo ten fame, dálle pan a comer;
e se ten sede, dálle auga a beber;

**25**, 11-13 Os "feitos de lingua" proseguen a manter o seu significado eminente, eloxiándose a actividade sabia da reconvención (**25**, 12; **27**, 5) e o falar no instante xusto (**25**, 11) e con razóns atinadas (**28**, 15). Abunda a recriminación contra o falar torcido e a calumnia, a traizón de segredos, a falta de dominio e a fachenda verbal (**25**, 9ss; **26**, 17; **27**, 1).

**25**, 14 Todo ao longo destes cc. estará presente a observación e admiración da natureza. Os fenómenos meteorolóxicos e as estacións están profusamente aludidos (**25**, 13. 14. 23; **26**, 1; **27**, 15).

**25**, 16 Da referencia a produtos agrícolas tíranse moitas comparanzas: a mazá (**25**, 11), o mel (**25**, 16. 27), o aceite (**27**, 9. 16), o leite (**27**, 27).

**25**, 21-22 Os *carbóns ardentes na cabeza*, citado por Rm **12**, 20, refírese a un ritual exipcio de purificación, o "rito de cambio da mente"; son indicadores, polo tanto, de arrepentimento e nada teñen que ver coa arela de vinganza. A presenza de Iavé como garante da retribución é unha das poucas alusións relixiosas da antoloxía. Outra mención xa apareceu en **25**, 2 con referencia ao seu misterio insondable, e nomeando o xenérico "Elohim" (Deus), en vez de Iavé.

22 poraslle carbóns ardentes na cabeza
e o Señor hate recompensar.

23 O vento nordés pare chuvias;
a lingua murmuradora, facianas irritadas.
24 Mellor é habitar nun recuncho do faiado
ca con muller rifante en casa grande.
25 Auga fresca para boca sedenta
é unha boa noticia de país remoto.
26 Manancial túrbido e fonte emporcada
é o xusto que abranda ante o impío.
27 Non é san darse unha enchente de mel
nin procurar honores tras honores.
28 Cidadela desmantelada e sen muro:
o home que non se sabe conter.

**26** 1 Non vai a neve co verán nin a chuvia coa seitura
nin di ben o honor co parvo.
2 Coma o pardal a bater as ás e a andoriña a voar:
a maldición inxusta non vai para ningures.

3 A tralla, para o cabalo; para o burro, o freo,
e o fungueiro para o lombo dos necios.
4 Non respondas ao necio cando fala parvadas,
non sexa que te lle asemelles.
5 Respóndelle ao necio cando fala parvadas,
non se vaia ter por sabio.
6 Corta as propias pernas e bebe vinagre
quen manda recado por medio dun parvo.
7 Abanéanlle as pernas ao tolleito
e o refrán na boca do necio.
8 Coma quen amarra a pedra na tirafonda,
é quen dá honra ao necio.
9 Espiñas de toxo na man dun bébedo,
iso é o proverbio na boca dun parvo.
10 Arqueiro que fere a quenquera que pasa
é quen contrata un parvo ou un bébedo.
11 Como o can volve ao seu vómito,
repite o parvo a súa tolemia.
12 Viches a alguén que se teña por sabio?
Aínda hai máis que esperar dun parvo ca del.

13 Di o nugallán: "Anda un leopardo no camiño;
vai un león no medio das rúas".
14 Xira a porta no seu gonzo
e o nugallán no seu leito.
15 O preguiceiro mete a man na cunca
e fáltanlle forzas para levala á boca.
16 Coida o nugallán que el é máis sabio
ca sete dos que responden con siso.

**26** O c. mostra tres modelos de agrupacións de "maxais" en torno a temas ou figuras concretas: os vv. 1-12 falan do necio (agás o v. 2); os vv. 13-16 fano a propósito do preguiceiro; os vv. 20-28 xiran arredor dos defectos da "lingua perversa".
**26**, 1-12 Así como a figura do sabio apenas vén citada ou aludida expresamente ( **25**, 12; **27**, 11. 12), a do necio ten un tratamento pormenorizado, no que se mostra máis como estúpido ca como inmoral. É un inútil para os oficios e encargos (vv. 6. 10), cómpre tratalo duro (v. 3), non hai sabedoría que rexa nos seus labios (vv. 7. 9). Estes vv. últimos denotan unha conciencia profesional acusada.

17 Atrapa un can polas orellas
quen se enreda nunha disputa allea.
18 Coma tolo que dispara
fachicos, frechas e morte,
19 é quen engana un amigo
e despois lle di: "Estaba a chancear".
20 Por falta de achas, esmorece o lume;
ausente o murmurador, apágase a rifa.
21 Coma o fol para as ascuas e a leña para o lume,
é o rifante para facer alampar liortas.
22 As verbas do intrigante son coma lambetadas
que penetran ata o máis fondo do ventre.
23 Esmalte que recobre a cunca de arxila
son os labios suaves nun corazón perverso.
24 O que odia, coa boca faise pasar por outro,
mais no seu interior pon a falsidade;
25 aínda que suavice a voz, non lle deas creto,
pois leva sete perfidias no corazón.
26 Pode encubrirse o odio coa simulación,
pero a intención maliciosa descóbrese na asemblea.
27 Quen cava unha cova caerá nela
e a pedra dará enriba de quen a bota a arrolar.
28 Lingua falsa amorea vítimas,
boca agasalleira leva á ruína.

**27** 1 Non te gabes do mañá,
que non sabes que traerá o hoxe.
2 Lóete outro e non a túa boca,
un alleo, e non os teus labios.
3 Peso de pedra, carga de area:
máis ca os dous pesa a carraxe do tolo.
4 Cruel é a ira; e unha enxurrada, o noxo,
pero contra os celos, quen se pode manter?
5 Mellor é reproche patente
ca a amizade acubillada.
6 As feridas de amigo son de lei,
os bicos do inimigo son finxidos.
7 Panza farta patea no mel,
para a gorxa famenta é doce o amargo.
8 Pardal que voa lonxe do niño
é quen anda errante lonxe do seu eido.
9 Perfume e incenso alegran o corazón,
a dozura da amizade dálle forza ao espírito.
10 Non desbotes o teu amigo nin o de teu pai
e non terás que ir á casa de teu irmán no día da desgraza.
11 Meu fillo, faime feliz sendo sabio
e terei resposta que dar a quen me aldraxe.

**26**, 17 A alusión ao mundo animal é constante e concreta: cabalo e asno (**26**, 3), pardal (**26**, 2; **27**, 8), andoriña (**26**, 2), o niño (**27**, 8), gando (**27**, 23), años e cabuxas (**27**, 26). **26**, 20-28 Os "pecados da lingua" céntranse na murmuración, intriga, e calumnia, destrutores da convivencia e da posibilidade de compromiso.
**27** Este derradeiro c. da antoloxía "A" amorea máximas acerca de problemas de convivencia e relación. Os vv. 5-6. 9-10 tratan das bendicións e perigos das amizades. Os vv. 14-18 propoñen casos de relacións próximas ao home (muller, veciño, amo). De aí pásase a unha consideración máis universal do ser humano, que non se daba nas coleccións precedentes e que supón un grao máis adiantado de reflexión (vv 19-21). No remate (vv. 23-27) danse "consellos aos labradores", feitos desde unha visión comercial e de incipiente explotación dos recursos do agro, que revelan unha evolución no modelo social. Quen tal di ou recompilou, moraba na cidade ou nunha vila labrega; pensemos nos muros, prazas e cans (**26**, 11. 17), leitos, morteiros (**27**, 22), vinagre (**25**, 20), carbón (**25**, 22), vestido ( **25**, 20; **27**, 20), criado (**27**, 27).

12 O asisado ve o perigo e apártase;
os incautos tiran para diante e páganas.
13 Queda ti co seu vestido, pois deu prenda por un alleo
e puxo fianza por unha estranxeira.
14 Quen xa de mañanciña saúda o veciño a berros
é coma se o maldixese.
15 Pingar arreo nun día de orballada
e muller rifante son cousas parellas;
16 quen a retén, retén vento
e recolle aceite na man.
17 Co ferro afíase o ferro
e o home a carón do próximo.
18 Quen coida da figueira, xantará do froito;
quen garda o seu amo, será honrado.
19 Como a auga reflicte o rostro,
así a intención reflicte o home.
20 Xeol e abismo non se dan fartado,
tampouco se enchen os ollos do home.
21 O forno proba a prata; o crisol, o ouro,
e o home, a opinión de quen o gaba.
22 Aínda que esnaquices o tolo cun mazo
nun morteiro mesturado coa area,
non lle tirarás fóra a necidade.
23 Repara ben no aspecto da túa grea
e ten boa conta dos teus rabaños,
24 pois a facenda non dura sempre
nin as riquezas de xeración en xeración;
25 apañada a herba e despuntado o gromo,
recolleita a forraxe das montañas,
26 os años forneceranche vestido
e as cabuxas terán o prezo dunha leira,
27 terás leite de cabra abondo para a túa mantenza,
para a mantenza da túa casa e sustento das túas criadas.

**Antoloxía "B"**

**28** 1 O perverso foxe sen que ninguén o persiga,
o xusto vai seguro coma un león.
2 Polos crimes dun país multiplícanse os seus tiranos,
mais cun home intelixente e prudente mantense a orde.
3 Quen oprime o pobre e asoballa os mendigos
é chuvia devastadora que non trae trigo.
4 Os que esquecen a lei gaban o malvado;
os que gardan a lei alporízanse contra el.
5 Os homes perversos non queren saber de dereito;
os que procuran ao Señor comprenden todo.

**28-29** Antoloxía "B". O restante da col. 5 compón unha escolma de carácter moi especial. Nun ton que volve ser altamente relixioso e moral, estase a falar constantemente dos dominadores do pobo e da responsabilidade do xusto verbo da sociedade. De feito non se fala tanto sobre o rei canto para o rei, con verbas de afirmacións máis ca de exhortación. O escepticismo ao xulgar os cortesáns e o gobernante é manifesto (cf **29**, 12; **28**, 3. 16). Ao mesmo tempo fai ao rei responsable do pobo (**28**, 3; **29**, 2-4), exhortándoo á sabedoría (**28**, 2. 16), ao xuízo imparcial (**29**, 24), á destrución dos malvados (**28**, 28), a suprimir as adulacións (**29**, 26) e a non dar mal exemplo (**29**, 12). Todo fai pensar nunha selección de ditos para o ensino dun monarca novo ao que lle imparten directrices para o ben gobernar, como deixan intuír outros pasos da Biblia (2 Sam **23**, 1-7; 1 Re **3**, 4-15). Nese ensino xogaba un papel relevante a fundamentación relixiosa.
**28**, 4. 5. 7. 9 Insisten no cumprimento da lei (a Torah), ligada á procura da vontade de Iavé e á piedade auténtica. Fálase por conseguinte da "Lei de Iavé", é non só dos preceptos paternos ou de sabedoría (cf 29, 18).

6 Mellor é un pobre que se comporta honradamente
ca un rico de vías tortas.
7 Un fillo asisado garda a lei;
o amigo de esmorgas avergonza a seu pai.
8 Quen amorea facenda por usura e interese
xúntaa para o que se apiada dos pobres.
9 Quen retira o oído para non oír a lei
mesmo a súa pregaria é de aborrecer.
10 Quen extravía os xustos por mal camiño
caerá na súa propia cova,
mais os íntegros herdarán a felicidade.
11 O rico tense por sabio,
mais un pobre intelixente cóllelle as voltas.
12 Cando os honrados medran, grande é a festa;
cando os perversos soben, a xente agáchase.
13 Quen esconde as súas faltas non prosperará;
quen as confesa e corrixe encontrará piedade.
14 Benia quen sempre ten temor reverencial,
mais quen endurece o corazón caerá no mal.
15 León que roxe, oso esfameado,
é o gobernante malvado que asoballa un pobo pobre.
16 Xefe sen intelixencia amorea opresións;
o que aborrece a rapina vive longos anos.
17 Quen leva ás costas a carga dun delito de sangue
ata a tumba, que ninguén o deteña!
18 O de conduta irreprochable está a salvo;
o de vieiros tortos caerá no foxo.
19 Quen cultiva a súa leira fartarase de pan;
quen anda aos biosbardos fartarase de pobreza.
20 Home leal vai cheo de bendicións;
o que corre a enriquecerse non o fará sen culpa.
21 Privilexiar a alguén non é honrado;
mesmo por un anaco de pan hai quen se fai culpable.
22 Home de ollar torcido apura a enriquecerse,
non se decata de que a penuria se lle bota enriba.
23 Quen a outro reprende, ao remate será máis respectado
ca o que fala con verbas agarimosas.
24 Quen rouba ao pai e á nai e di: "Non é pecado",
equipárase a un salteador.
25 Home cobizoso alampa liortas;
quen ten fe no Señor medrará.
26 Quen confía no seu tino é parvo;
o que procede sabiamente sálvase.
27 Quen lle dá ao pobre xamais carecerá;
a quen lle pecha os ollos maldicirano abondo.
28 Cando os malvados soben ao poder, a xente agáchase;
cando perecen, multiplícanse os honrados.

**28**, 8-10 Moitos "maxais" desta escolma falan do rico e do pobre desde unha posición de responsabilidade social. A simpatía polo pobre é permanente (**28**, 6. 11), e o perigo da riqueza, evidente (cf **28**, 8: usura; **28**, 16: rapina; **29**, 4: tributos; **29**, 24: roubos); a riqueza as máis das veces vai cargada de culpa (**28**, 20; **29**, 24) e leva á destrución do país (**29**, 4; que relembra a prédica de Amós).

De fronte a tal situación son chamados a contas os dirixentes para que impoñan o dereito dos pobres ( **28**, 3. 15. 27; **29**, 7. 14), pois o pobre é "criatura de Iavé" (**29**, 13).

**28**, 20-21 Céntranse posiblemente na actitude moral dos tratos comerciais e transaccións nos que o gobernante pode pecar por favoritismo.

**28**, 25 Dá a clave moral da colección, que tornará a se repetir no **29**, 25.

**29** [1]Quen se endurece despois da reprensión
vai á ruína nun momento, sen remedio.
[2]Cando mandan os xustos, o pobo alégrase;
mais se un impío goberna, o pobo xeme.
[3]Quen ama a sabedoría alegra a seu pai,
quen frecuenta prostitutas malgasta a facenda.
[4]Un rei fai próspero o país coa xustiza,
mais quen aumenta os impostos arruínao.
[5]O que lle di verbas suaves ao veciño
téndelle unha rede diante dos pés.

[6]Na maldade do impío escóndese un lazo,
mentres que o xusto reloucará ledo.
[7]Recoñece o xusto o dereito dos pobres,
mais o malvado non ten comprensión.

[8]Homes arrogantes turban unha cidade,
mais os sabios aquedan a ira.
[9]Cando un sabio ten preito cun necio,
enfádase ou ri, pero non ten sosego.
[10]Os sanguinarios odian o íntegro,
pero os rectos considéranse del.
[11]O parvo déixase levar de calquera impulso,
mais o sabio reprímeo e acálmao.
[12]Cando un gobernante dá creto a razóns falsas,
todos os seus ministros serán malvados.
[13]Pobre e explotador teñen algo en común:
o Señor deulles aos dous a luz dos ollos.
[14]Rei que xulga equitativamente os pobres,
o seu trono afincase para sempre.
[15]A vara e a reprensión dan sabedoría,
rapaz consentido avergonza a súa nai.
[16]Cando mandan malvados acrecéntase o crime,
pero os xustos ollarán a súa desfeita.
[17]Corrixe o teu fillo: servirache de acougo
e daralle satisfaccións ao teu espírito.
[18]Onde non hai revelación, o pobo perde o freo,
mais benia o que respecta a lei!
[19]Só con razóns non se corrixe un criado,
pois aínda que comprenda, non obedece.
[20]Viches un que fala a toda présa?
Máis se pode esperar dun tolo ca non del.
[21]O que consente o seu criado desde pequeno,
ao remate sairalle respondón.
[22]Home alporizado alampa liortas;
o acalorado, multiplica as faltas.
[23]O orgullo do home humillarao,
quen ten ánimo humilde acadará honra.
[24]Quen ten parte co ladrón odia a súa vida,
pois escoita a maldición e non denuncia.
[25]O respecto humano tende un lazo,
mais quen afianza no Señor ponse a salvo.
[26]Moitos procuran o favor do gobernante,
mais é do Señor de quen se obtén xustiza.

**29**, 25-27 Os tres últimos vv. serven de magnífico colofón a toda a antoloxía "B": confiar en Iavé, buscar nel a xustiza, e comportarse como home xusto, son os alicerces do bo goberno.

27 É abominable para os xustos o home inicuo;
é aborrecible para o malvado o de conduta recta.

## PALABRAS DE AGUR

**30** 1 Palabras de Agur, fillo de Iaqueh, o de Masá. Sentenza deste home:
"Non hai Deus, non hai Deus, e estou canso,
2 pois eu son máis unha besta ca un home
e non teño discernimento humano;
3 non aprendín sabedoría
nin acadei coñecemento do Santo".
4 Quen ascendeu ao ceo e de alí baixou?
Quen recolleu o vento nos seus puños?
Quen envolveu as augas no seu manto?
Quen fincou os lindeiros da terra?
Cal é o seu nome e cal o do seu fillo,
acaso o sabes?

5 Toda palabra de Deus está acrisolada,
El é un escudo para os que nel se refuxian.
6 Non lles acrecentes ren ás súas palabras,
non sexa que te reprenda e sexas probado de mentira.

7 Dúas cousas che pido,
non mas negues antes de que eu morra:
8 afasta de min a falsidade e a mentira,
non me deas nin pobreza nin riqueza,
déixame comer a miña ración de pan,
9 non sexa que, farto, renegue
dicindo: "Quen é ese, o Señor?";
ou que, empobrecido, roube,
aldraxando o nome de Deus.

10 Non critiques o criado diante do amo,
para que non te maldiga e a teñas que pagar.

## PROVERBIOS NUMÉRICOS

11 Hai xente que maldí ao propio pai
e non bendí á súa nai.

**30**, 1-10 Palabras de Agur. Recóllese un título que fala dun sabio ou príncipe estranxeiro, e que vai seguido dunhas verbas de non doada interpretación. O texto hebreo preséntase corrupto ou ben responde á transcrición dunha lingua diversa. A tradución conservadora "Verbas de Agur", fillo de Iaqueh, oráculo; dito dun home a Itiel, a Itiel e Ucal", non fai xustiza á filoloxía contemporánea. O feito da transmisión dun texto inintelixible puido ter orixe no descoñecemento da lingua ou no escándalo por el producido. Outras versións posibles son: "Estou canso, esgotado"; "oh, se Deus estivese comigo"; "non son Deus, non son Deus para ter poder"; etc.

**30**, 4 Este v. ten o aire dunha corrección á soberbia humana, a base de preguntas retóricas que lembran a resposta de Deus no libro de Xob (cc. **38-39**).

**30**, 5-6 Reflicten a intervención da relixiosidade do crente israelita: é a fe na palabra de Deus a que dá acougo e como tal se debe respectar.

**30**, 8 A demanda da *miña ración de pan* ("huqquí") anticipa a petición do "Noso Pai" evanxélico.

**30**, 11-33 Proverbios numéricos. O segundo apéndice á escolma de "maxais" dos cc. **25-29** compóñeno unha serie de pequenas composicións independentes, completas unhas, fragmentarias outras, mais acordes todas no seu aspecto formal de "ditos numéricos". Coñecido é o valor sagrado e máxico do número nas culturas antigas e a súa simbólica como revelador da orde e planificación no universo, desde os sumerios ata Pitágoras.

**30**, 11-14 Dito numérico sen introdución. Sería doado suporlle unha do xeito seguinte: "Hai tres castes de xente que Iavé refuga, e catro que aborrece" (cf Pr **6**, 16). A serie, iniciada pola verba hebrea "dor" (caste, raza, xeración) emparella, de feito, aspectos de vicios sociais que rematan na violencia máis infame: a desencadeada contra os pobres.

12 Hai xente que se ten por limpa
e non se lava da súa cotra.
13 Hai xente que se xulga a si mesma moi importante,
que leva a altiveza na ollada.
14 Hai xente con espadas por dentes
e coitelos por queixadas,
para engulipar os pobres do país
e os miserentos, arrincándoos da terra.

15 A samesuga ten dúas fillas: "Dáme" e "Dáme"!

Velaí tres cousas que non se dan fartas
e unha cuarta que non di: "Abonda!".
16 O xeol, o seo estéril,
terra non farta de auga,
lume que xamais non di: "Abonda".
17 Ollos de quen se burla do pai
e aldraxa á nai anciá,
que os arrinquen os corvos na corga
e sexan comestos das aguias!

18 Tres cousas hai que me deixan abraiado
e unha cuarta que non entendo:
19 O camiño da aguia polo ceo,
o camiño da cobra pola rocha,
o camiño da barca pola alta mar
e o camiño do varón pola doncela.

20 Tal é o xeito da adúltera:
come, limpa a boca e di: "Non fixen mal ningún".
21 Por tres cousas estremécese a terra
e aínda catro non pode aturar:
22 que un escravo chegue a gobernar,
que o insensato se farte de pan,
23 que case a muller odiosa
e que a criada leve a herdanza da ama.

24 Catro cousas pequechas hai na terra
e, con todo, máis sabias ca os mesmos sabios:
25 as formigas, pobo feble
que polo verán asegura a súa mantenza;
26 os teixugos, pobo sen poderío
que con todo furan o seu tobo nas rochas;
27 as lagostas, que non teñen rei
e marchan todas ordenadas;
28 a lagarta, que a podes coller coas mans
e cóase no pazo real.

29 Tres cousas hai de paso egrexio
e aínda catro de fermoso camiñar:

**30**, 15a Refrán popular que de seguro aludía á ambición desmedida. As "dúas fillas" son probablemente os dous extremos con que afinca a samesuga na pel do animal do que tira o seu alimento.
**30**, 18-19 O misterio da atracción e o xeito de encontro do home coa *doncela* ("almah", cf Is **7**, 14) é un tema antropolóxico que suscitou fondas reflexións e solucións mitolóxicas en todas as culturas, desde o mito referido por Aristófanes, a Xén **2**, 18-25, coa súa profundidade de sentido. O dito presente supera o meramente científico ou escolar, para chegar ao poético.
**30**, 26 Os "xefannim" son o "hirax" ou damán de Palestina ou ben o porco teixo.

30 o león, o heroe de entre as feras,
que diante de ninguén recúa;
31 o galo, que camiña fachendoso; tamén o arroallo,
e un rei diante do seu pobo.

32 Se te ensoberbeciches por lixeireza
ou adrede, man á boca!
33 pois premes o leite e sae manteiga;
premes o nariz e sae o sangue;
premes a ira e sae a liorta.

## PALABRAS DE LEMUEL

**31** 1 Verbas de Lemuel, rei de Masá, coas que o instruíu súa nai:
2 Non, meu fillo! Non, filliño das miñas entrañas!
Non, fillo das miñas promesas!
3 Non cedas o teu vigor ás mulleres
nin a túa potencia ás que perden os reis.
4 Non di ben cos reis, Lemuel,
non di ben cos reis o beber viño,
nin lles convén a gobernantes o licor,
5 non sexa que, bébedos, esquezan as leis
e trastornen o dereito dos miserentos.
6 Dá o licor ao afundido
e viño aos de espírito magoado,
7 para que beban e esquezan a miseria
e non se lembren máis da súa coita.
8 Pronúnciate a favor do mudo
e a prol da causa dos abandonados.
9 Abre a boca e pronuncia sentenza xusta
e defende o dereito do coitado e do pobre.

### A muller de valer

10 Unha muller xeitosa, quen a atopará?:
o seu valer supera o das perlas.
11 O seu marido pon nela a confianza
e non lle han faltar ganancias;
12 procúralle felicidade, e non desgraza,
todos os días da súa vida.
13 Consegue la e liño
e traballa gustosa coas súas mans;

**30**, 32-33 A colección remata cunha amoestación condicional contra o orgullo como fonte de violencia.

**31**, 1-9 Palabras de Lemuel. A figura da raíña nai (a "Guebirah") xogou unha parte importante na política e intrigas das monarquías orientais, así coma na israelita (cf 1 Re **1**, 11-13; **15**, 13; 2 Re **9**, 22). No paso presente comparece en canto conselleira e instrutora do rei mozo, conforme o modelo das Instrucións reais. O contido da instrución articúlase do modo seguinte: v. 3: Prevención perante a inmoderación e intrigas no harén; vv. 4-5: Precaución no uso do viño; vv 6-7: Exhortación a dar viño como consolo aos aflixidos; vv. 8-9: Exhortación á defensa do dereito dos pobres e marxinados.

**31**, 10-31 A muller de valer. A escolma do libro dos Proverbios chega á súa fin cun poema acróstico e alfabético: cada verso comeza cunha das letras do alefato (o alfabeto hebreo). Ese procedemento artificioso fai que os motivos salten unha orde natural de procesos (v. 19 despois do v. 13), ou que cambien repentinamente os tópicos. A finalidade deste artificio é a de axudar á memorización.

O que no poema da "Muller de valer ou xeitosa" se propón é un modelo para a rapaza casadeira. O criterio seguido, máis que a figura da boa esposa, debuxa a personalidade competente no administrativo e económico dunha muller de casa rica.

Está sen dúbida fóra de lugar unha interpretación que quixese ver nesta muller unha alegorización da sabedoría.

A énfase do poema ponse na laboriosidade máis ca no concreto da súa produción (vv. 21-23), e nos seus dotes de goberno (v. 15). O ideal proposto redondéase coa loanza final (vv. 28-29) e co ensino conclusivo, exposto en termos xerais nun comentario do autor (vv. 30-31).

14 é coma os barcos mercantes,
traendo de lonxe a súa mantenza.
15 Érguese cando aínda é noite,
dando ordes aos da casa
e distribuíndo os mandatos entre as criadas.
16 Mira unha leira e mércaa
e co que producen as súas mans planta unha viña.
17 Cingue de fortaleza os seus cadrís
e reafirma os seus brazos;
18 decátase de que a súa tarefa prospera
e a súa candea non esmorece na noite.
19 Bótalle as mans á roca
e os seus dedos manexan o fuso.
20 Téndelle a palma ao indixente
e achégalle as súas mans ao mendigo.
21 Non teme polos da casa cando neva,
pois todos eles levan roupas dobradas.
22 Fixo ela mesma os cobertores
e o seu vestido é de liño escolleito e púrpura.
23 O seu marido é estimado no tribunal
cando senta cos anciáns da bisbarra.
24 Confecciona tea e véndea
e fornece de faixas os viaxantes.
25 Forza e elegancia son o seu vestido,
e ri cara ao día de mañá.
26 Cando abre a boca é con sabedoría
e na súa lingua hai unha instrución piadosa.
27 Está pendente do ir e vir dos da casa
e non xanta un pan ocioso.
28 Érguense os seus fillos e bendícena
e o marido fai a súa loanza:
29 "Hai moitas mozas de valer,
mais ti véncelas a todas".
30 A graza engana e a fermosura esvaece:
só a muller que teme o Señor merece ser loada.
31 Que falen por ela as obras das súas mans
e os seus feitos lle dean honra na praza!

# INTRODUCIÓN AO ECLESIASTÉS (Qohélet)

## 1. O problema da existencia do ser humano

*Unha voz desenganada da vida fai acto de presenza neste libriño que inquire pola condición do ser humano nunha terra opaca, onde semella que ben e mal non acadan a sanción merecida. A insaciabilidade do anhelo, a decepción perante a existencia, e a impotencia de cara á inxustiza, foran xa temas dunha literatura de matinación individual xurdida en Exipto ("Discusión do home co seu Ba"; "Laio do Arpista") e Mesopotamia ("Xob sumerio"; "Diálogo do pesimista"; "Guilgamex") nos períodos críticos da historia.* Qohélet *(*o Eclesiastés*) enxértase nesa corrente, aínda que cos xéneros e matices propios dunha mentalidade israelita.*

## 2. A cuestión da autoría do libro

*A personalidade do autor non nos vén dada en datos precisos. O título adicional do libro, posto por man allea, fálanos dun "Qohélet, fillo de David, rei en Xerusalén". Deixando a parte a ficción da adxudicación salomónica, que é común a outros libros sapienciais e que poida que fose motivada pola introdución que atopamos en* ***1****, 12 (típica das "Instrucións reais" exipcias), o nome* Qohélet *merece unha explicación. A tradución grega fixo del un "Ekklesiastés" = Predicador. A verba hebrea, non obstante, provén dunha raíz "QHL", que na súa flexión verbal dá en significar "convocar a xuntanza". Polo que o nome, de seu, pódese interpretar como feminino de oficio: "Quen convoca a xuntanza" (ou unha figura da mesma caste da do "speaker" do parlamento inglés), se ben, segundo outros, sería "o que pon obxeccións na reunión". Nada se di, xa que logo, dun nome propio: o autor prosegue a sernos anónimo.*

*Del podemos, así e todo, deducir que foi hebreo, que viviu en Xerusalén (moitos detalles particulares da cidade, templo e arredores lle son coñecidos), que era unha persoa de idade, mestre de escola sapiencial moi reputado, e home de temperamento frío e distante (a verba "fillo" típica de toda a instrución sapiencial está ausente do libro).*

## 3. A data de composición do libro

*Haberá que fixala por crítica interna, pois a obra non contén referencias cronolóxicas expresas: dunha banda, a lingua, chea de elementos do arameo e hebreo tardío, fai supor un tempo posterior a Nehemías, sobre o século IV a. C.; doutra banda, o texto xa vai citado nos albores do século II a. C. (Sírah = Eclesiástico) e nada fai nel descubrir o espírito que inspirou a revolta macabea. Cómpre polo tanto adxudicarlle unha época de tranquilidade política relativa e de fonda crise relixiosa no seo da escola sapiencial: o máis indicado semella propor a primeira metade do século III a. C. como data de orixe desta obra de transición.*

## 4. Xénero literario e estrutura

*A disposición e xénero do libro deu pé a unha chea de teorías (serie de ditos soltos, diatriba, tratadiño, memorial) que non abondan a dar razón da súa peculiaridade. Non se atopa nel unha estrutura rixida nin un desenvolvemento lóxico ou plano de temas tópicos como quixeron algúns. Todo o máis, descóbrese un motivo-base na verba clave "sopro", tradicionalmente "vaidade", que nesta versión vai interpretada segundo os contextos para a liberar do acento moralizante a que quedou sometida, trámite a tradución grega e a piedade medieval da "Devotio moderna". Esa badalada do "efémero" da vida percorre todo o libro e péchao como feito concluso co encadramento en* ***1****, 2 e* ***12****, 8. No interior dese cadro artificial enxergamos, desde* ***1****, 12 a* ***3****, 15, a proposta das pescudas máis radicais de Qohélet (sentido da vida, sabedoría, pracer) e a súa solución parcial. O resto son agrupamentos artificiais (repetición de "máis vale", "mellor é" en* ***7****, 1-18; a escolma de proverbios que comeza no* ***9****, 18), ou ben materiais de tradición de escola sapiencial (a muller, a piedade, o rei, os negocios) todos eles vistos á luz desapiadada das cuestións fondas do autor.*

*Durante un certo tempo o afán da crítica das fontes chegou a descubrir no libro o labor de ata catro mans ou autores diversos. Hoxe en día mantense a autoría xeral dun só escritor, descontados o título (****1****, 1) e os versículos* ***12****, 9-11, adxudicados a un discípulo; e* ***12****, 12-14, obra dun epiloguista piadoso, agás doutras dúas ou tres pequenas interpolacións.*

## 5. O estilo de Qohélet

*É sobrio e culto, cun vocabulario e temas que amosan o influxo do repertorio dos filósofos itinerantes helenistas; emprega unha prosa que ás veces se aproxima á poesía, máis que nada nas tres grandes reflexións sobre o mundo, o tempo e a morte (**1**, 3-11; **3**, 1-8; **12**, 1-7). O autor gusta de citar proverbios tradicionais para comentalos, as máis das veces retorcendo ou criticando o sentido orixinal. O seu proceder é metódico: observación, reflexión, dedución; o que parece indicar unha vontade de rigor científico e un xeito de transmisión pedagóxico.*

## 6. O Deus de Qohélet e a retribución ao ser humano

*Fornecido con este instrumental, Qohélet encontrouse de fronte a unha realidade que negaba cos feitos o ensino tradicional. Consecuencia dese encontro foi a perda da fe no dogma sapiencial da retribución inmanente equitativa. A razón crítica coa que aborda os problemas da inxustiza asoballante, da limitación e relatividade de todo o creado, encárano á cuestión do sentido total. Tras de todo o devir está Deus, mais o Deus de Qohélet non é Iavé senón unha divindade remota, ao tempo allea e non manipulable, máis enigmática ca clarificadora, do que a única teofanía son os raros momentos de felicidade que ao ser humano lle é doado gozar.*

*Deste xeito, Qohélet, coa mesma man que desvela o aspecto de experiencia transcendente agachado na felicidade e na festa cando son vividas como un don, deixa aberto o baleiro entre Deus e a realidade mundana, sen intentar solucionalo facilmente. O manter esa tensión entre a fe nun sentido transcendente e a experiencia do efémero do real de tellas abaixo, é a preparación máis valente e adoitada cara á aparición dunha esperanza como a da mensaxe do Novo Testamento, que, afincando en Deus, devolve o valor á actividade humana por máis que limitada. Neste sentido Qohélet conserva un valor perenne.*

# ECLESIASTÉS (QOHÉLET)

**1** [1]Verbas de Qohélet, fillo de David, rei en Xerusalén.
[2]Nada máis ca un sopro –di Qohélet–, un lene sopro, un breve aire é todo.

## I. O home, limitado e fuxidío

[3]Que proveito tira o home
de todas as angueiras
polas que traballa baixo o sol?
[4]Vaise unha xeración, vén outra,
e a terra sempre queda.
[5]Sae o sol, ponse o sol,
volta sen folgos ao seu posto;
de alí torna a xurdir.
[6]Torna ao sur, vira para o norte,
xira que xira, camiña o vento;
volve o vento ás súas reviravoltas.
[7]Todos os ríos van dar no mar,
e o mar non se enche.
Para onde os ríos camiñan,
alí tornan incesantes.
[8]Todas as verbas se esgotan;
ninguén acada a expresarse.
O ollo non se dá farto de ver,
non se enche a orella de oír.
[9]O que foi, iso será;
o que xa se fixo, farase;
pois nada hai novo baixo o sol.
[10]Supón que de algo se diga:
"Mira que isto é novo".
Pois xa aconteceu
nos tempos que nos precederon.
[11]Non hai memoria dos devanceiros,
nin a haberá dos vindeiros;
non os relembrarán os que veñan despois.

### Cal é o sentido da vida, da sabedoría e do pracer?

[12]Eu, Qohélet, reinei sobre Israel en Xerusalén, [13]e propúxenme pescudar e investigar aleuto todo canto acontece baixo o sol: dura tarefa que Deus lles impón aos humanos para que nela se afanen.
[14]Contemplei todas as accións que se fan baixo o sol. Resultado: todo é efémero e papar ventos.
[15]O torcido non se pode endereitar,
co que non hai non se pode contar.
[16]Pensei para min: Sen dúbida fixenme famoso amoreando máis sabedoría ca todos os que me precederon en Xerusalén; e a miña mente acadou grande saber e ciencia.
[17]Esforceime así en coñecer o que é a sabedoría e o que son a necidade e a tolemia, e agora decátome de que tamén iso é papar ventos, [18]pois:
moito saber, moita molestia,
e canta máis ciencia, máis sufrir.

**2** [1]Dixen entón para o meu interior: Veña! Probemos coa ledicia, e a gozar do que é bo! Mais velaquí que tamén iso é efémero.
[2]Chameille ao rir "Parvadas", e da ledicia dixen: "Para que serve?".

### Vaidade do pracer: Salomón

[3]Cavilei no corazón de dar o corpo ao viño, mantendo a miña intención sabia, aplicándome á loucura ata descubrir se esa é a felicidade que o home poida acadar baixo o ceo no par de días que vai vivir.

**1**, 1 O título do libro responde a unha función tradicional de presentación, e reflicte unha man distinta da do autor (reaparece de novo en **1**, 2; **7**, 27; **12**, 8. 9. 10), e semella ser obra dun discípulo que quixo deixar constancia da personalidade do seu mestre.
**1**, 2 Lema que vai artellar toda a obra. Non se trata do tema a desenvolver nun tratado, senón máis ben dun motivo dominante, que ao mesmo tempo servirá para unir materiais moi diversos e estruturar artificialmente seccións menores. A palabra orixinal "hébel" é un alento ou sopro, o efémero, o non ser; e, por translación, o sen sentido, o absurdo ou baleiro (cf Dt **32**, 21; 2 Re **17**, 15; Xob **7**, 16; Sal **62**, 10; Is **49**, 4). Nesas diversas acepcións virá interpretado na presente tradución. Na fórmula tradicional "Vaidade de vaidades" conservábase literalmente o superlativo hebreo (cf "Cántico dos Cánticos"; "Rei de reis"), que no caso presente leva consigo un matiz de exclusividade.
**1**, 3 O vocábulo que traducimos "angueiras, esforzo, traballo, ganancia" segundo os casos (hebreo "amal") é outro dos tópicos claves do libro: con ela, a situación *baixo o sol*, denota a tónica existencial: vai preguntar sen piedade polo derradeiro sentido da vida.
**1**, 4-7 A seguridade e invariabilidade da natureza contraponse ao fuxidío e limitado da historia do home, unha historia ollada como un ir e vir descontinuo de homes ("xeracións") e como unha danza da morte.
**1**, 12 As tres cuestións máis básicas para o autor: que sentido teñen actividade vital, sabedoría e pracer? En suma, a procura de razón de canto acontece.
**1**, 14 Comparecen Deus e o home: o Deus que dá sen preguntar e o ser humano "Adam" que se ten de ocupar, por pulo de seu e por imposición dese Deus, en designios que son unha incógnita.
**1**, 18 O refrán aludido é escolar, non popular, coma o de **1**, 15, e contradí a tradición (cf Pr **22**, 15; Eclo **21**, 19), ficando moi preto do helénico "saber que non se sabe".
**2**, 1-2 A procura do pracer como indagación do sentido é tamén típica da actitude sapiencial. A valoración negativa que aquí recibe contrastará coa permanente chamada de Qohélet ao goce sinxelo da vida. Esta aparente contradición esluirase ao lermos **2**, 24-26 e **3**, 9-15.

[4]Fixen cousas magníficas: edifiquei pazos,
plantei viñas; [5]fixen para min xardíns e soutos
e plantei neles toda clase de froiteiras; [6]constru-
ín estanques de auga para con eles regar na
fraga as árbores en agromo; [7]merquei servos
e servas e tiven escravos nados na casa; e aín-
da gando de vacas e greas de ovellas abondo,
máis que cantos me precederon en Xerusalén.
[8]Amoreei tamén prata e ouro e tesouros de
reis e provincias; procurei cantores e canto-
ras, e a delicia dos homes: amoríos a eito.
[9]Superei en magnificencia a todos os que
me precederon en Xerusalén; así e todo ao
meu carón mantívose a sabedoría.
[10]De canto os meus ollos me demandaban,
nada lles neguei. Non recusei ledicia ao meu
anhelo; pois o meu ánimo gozaba de toda esta
riqueza como premio de todo o meu degoiro.
[11]Volvín entón os ollos para as obras que
fixeron as miñas mans e para o traballo que
me custara realizalas, e velaquí que todo fora
un sopro e papar ventos, e que nada hai de
proveitoso baixo o sol.

### O valor da sabedoría

[12]Púxenme a reparar daquela na sabedoría
e na necidade e na tolemia (por certo: Que
vai facer o home que suceda ao rei? O que
xa antes del outros fixeron), [13]e observei que
a sabedoría ten unha vantaxe sobre a tolemia,
coma a que lle leva a luz á tebra:
[14]O sabio ten ollos na cara,
o necio camiña na tebra,
mais sei tamén que igual destino
lles cae enriba aos dous.
[15]Dixen entón para min: o que lle toque ao
necio, iso tocarame a min tamén; para que
souben tanto? E concluín que tamén isto non
tiña sentido, [16]xa que:
A longo prazo non hai lembranza
nin do sabio nin do necio;
axiña virán os días
en que todos os esquezan.
Ai! Morre o sabio como morre o necio.
[17]Cheguei así a odiar a vida, pois pareceu-
me mal todo canto acontece baixo o sol, xa
que todo é efémero e puro papar ventos.

### Nada se consegue baixo o sol

[18]E aborrecín toda a ganancia pola que tra-
ballei baixo o sol, pois heina de deixar a un
descendente meu, [19]e quen sabe se será un sa-
bio ou un badoco? Un tal será o herdeiro do
que con tanto esforzo conseguín con grande
habilidade baixo o sol! Tamén iso é cousa sen
xeito.
[20]A punto estiven de desesperar de toda a
fatiga que soportei baixo o sol; [21]pois, pon
por caso un home que lle debe o que gañou
ao seu saber, prudencia e éxito, e que o teña
que deixar en herdanza a un que non o tra-
ballou. Évos tamén un grande sen sentido e
grande mal.
[22]Abofé, que tira un home tal de todo o seu
esforzo e de darlle voltas ao maxín, traba-
llando baixo o sol?
[23]Dores todos os días,
molestias do seu loitar,
noites en branco matinando.
E isto sonvos tamén andrómenas!

### Aproveitar a felicidade, que vén de Deus

[24]Non lle resta ao home cousa mellor se-
nón comer e beber e darse boa vida do froito

**2**, 3-11 A pseudonimia salomónica dá contido a este paso (cf 1 Re **5**, 2-8; **7**; **10**, 14ss; **11**, 1ss): provisións, facenda, construcións, delicias do harén real, son as vivencias sometidas ao crisol da crítica (*mantendo a intención sabia*). Os datos aludidos recóllense de fontes procedentes de épocas diversas: da viña fálase en 1 Cro **27**, 27; Ct **8**, 11; do lago do rei, en Neh **2**, 14; sen que se poida xulgar da súa orixinal historicidade. Unha verba clave no libro fai aparición ao remate da sección: "héleq": a parte da herdanza ou dun botín, a paga. O home acada dalgún xeito na vida valores relativos; así e todo, non se dá unha ganancia real; a palabra "sopro" acada neste intre o matiz do transitorio e continxente (v. 11).

**2**, 12b Fai impresión de glosa inoportuna, ou ben podería pertencer ao marco dun tema e instrución posterior (cf v. 21); o problema do herdeiro e da sucesión é unha frecuente matinación do autor.

**2**, 17 O xuízo totalizador (vida odiosa) cae de novo con todo o seu negativismo como caeu no v. 14 o destino (hebreo "miqreh ": o que cae enriba), sometendo á ironía o sentido dun proverbio tradicional. A morte como reforzador absoluto nega significado aos valores relativos intramundanos. *Odiar a vida* era cousa impensable no sabio (cf Pr **8**, 35s). A vida xa non aparece en Qohélet como a dimensión de plenitude e forza do resto do A. T., senón como algo posto en perigo, limitado, do que, como moito, se pode tirar un pouquiño de ben.

**2**, 24-**3**, 15 Sabedoría, coñecemento, ledicia, relativizados de seu como feitos intramundanos nos xuízos precedentes, acadan así e todo un sentido para Qohélet. Esta é a sección central do libro, da que depende toda a súa interpretación.

**2**, 24-26 A resposta de Qohélet non é o "xantemos e bebamos" de Guilgamex, do Canto do Arpista ou dos epicúreos gregos. Nos intres fragmentarios, pequenos e irruptivos dos momentos felices cómpre enxergar unha raiola transcendente, a revelación da presenza de sentido, o don de Deus.

No ceo de chumbo da experiencia humana ábrense momentos estelares que fan afiuzar, aínda que o home non saiba, o porqué e o como. Deus é imprevisible, o mundo é indescifrable, non hai canon moral para medir; pero sábese que Deus, o Deus remoto de Qohélet, está detrás de todo e fai a súa tarefa. Deus inmutable e don perfecto semellan adiantar a frase da epístola de Santiago (**1**, 16-17), outro escrito de fonda raigaña sapiencial.

do seu esforzo. E ata estou certo que facer iso
pende da man de Deus.
[25]Pois, quen ten de que comer e quen pasa
apuros se non é por El?
[26]Ao home que lle agrada dálle El sabe-
doría, ciencia, ledicia; e ao que erra, ponlle
como tarefa recoller e achegar para dalo des-
pois a quen Deus considera. Tamén isto é sen
tino e papar ventos.

### Poema do tempo e a hora

**3** [1]Todo ten a súa hora, e hai un tempo fixado
para cada asunto baixo os ceos:
[2]Un tempo para nacer,
e un tempo para morrer,
un tempo para plantar
e un tempo para arrincar o plantado,
[3]un tempo para asasinar
e un tempo para vendar,
un tempo para derrubar
e un tempo para edificar,
[4]un tempo para chorar e un tempo para rir,
un tempo para facer o pranto
e un tempo para bailar,
[5]un tempo para espallar pedras
e un tempo para apañalas,
un tempo para abrazar
e un tempo para se abster de abrazos,
[6]un tempo para buscar
e un tempo para perder,
un tempo para gardar
e un tempo para desbotar,
[7]un tempo para rachar e un tempo para coser,
un tempo para calar
e un tempo para falar,
[8]un tempo para amar
e un tempo para odiar,
un tempo para a guerra
e un tempo para a paz.

### O tempo está na man de Deus

[9]Que proveito pode acadar quen se esforza no seu traballo? [10]Decateime da tarefa que Deus lles deu aos homes para nela se ocupa-
ren. [11]Todo o fixo axeitado no seu tempo, e
púxolles na conciencia o sentido do incon-
mensurable, sen que o home descubra a ra-
zón da obra que Deus fai desde o principio
á fin. [12]Recoñecín daquela que non hai cousa
mellor para o home que se alegrar e procurar
a felicidade mentres viva. [13]Mais tamén que
o home coma e beba e o pase ben á conta do
seu, é don de Deus. [14]Comprendín que todo o
que faga Deus durará para sempre:
Nin se lle debe engadir
nin se lle debe quitar,
Deus mesmo foi quen o fixo
para que eles o respecten.
[15]O que sucede xa pasou antes; o que vai
vir xa acaeceu; mais Deus pode buscar o que
fuxiu.

### II. Inxustiza na administración

[16]Aínda vin outra cousa baixo o sol:
no tribunal, o delito;
na sede da orde, a transgresión.

**3**, 1-8 A lei dos momentos diversos dá pé a un poema que imita o movemento pendular da chegada de acontecementos contraditorios. Os pares contrapostos percorren feitos da vida normal e sucesos tráxicos e insospeitados, comezando co nacer e rematando co "Xalom": a paz e benestar; o conxunto fai un total de sete versos dobres e catorce parellas, que significan a plenitude e universalidade dos tempos concretos aducidos.

**3**, 5 Cómpre aclarar que, na linguaxe rabínica, as relacións sexuais encubríanse baixo a circunlocución "espallar e apañar pedras".

**3**, 11 Así como antes se falaba do tempo puntual ("et"), comparece agora o tempo sen límites ("olam"); a palabra é de non doada tradución. No rabinismo viña ser o «mundo universo» ou «o eón», mais na época de Qohélet aínda tiña a connotación de prolongación sinxela no tempo; e non significa de seu eternidade como calidade, senón a duración sen límites cara adiante e cara atrás: todo o espazo histórico, pasado e vindeiro, é o que se presenta diante dun home á procura de sentido, e desde o seu intre actual non lle é dado abranguelo. Traducimos, por iso, "inconmensurable". Hai quen atopa neste v. unha lectura laica da Xénese (cc. **1-3**) nos vocábulos "facer", "belido" (axeitado), "puxo no seu corazón o "olam", "principio e fin", como lectura paralela a "creou", "fixo ben", "fixoos á súa imaxe e semellanza", "ao comezo", etc.

**3**, 15 Este v. contén unha das frases claves do libro e tamén das de máis difícil interpretación. O pé da letra lese: "Deus busca ao perseguido". Mais a palabra "perseguido" dise do escravo ou prisioneiro que foxe, e aquí vai empregada nun sentido xeral ou neutro. A forma verbal hebrea ("piel") na que aparece o verbo "buscar", adoita recoller matices como o "poder ser", "deixar ser". No sentido da tradución proposta, Qohélet deixaría aberta a posibilidade de recuperación do sentido do tempo pasado por parte de Deus, aínda que, como se verá máis adiante, rexeite as especulacións escolares da época acerca da inmortalidade do espírito humano.

O "temor de Deus" en Qohélet é respecto e sometemento, baixo un ceo misterioso, do que descende o don da ledicia.

**3**, 16-21 O problema da falsa testemuña e do suborno xa fora tocado no libro dos Proverbios (**12**, 17; **14**, 15; **15**, 27; **17**, 13; etc...) e cualificado como "horror para Iavé" (**17**, 15. 26; **18**, 5; **24**, 23-25). Neste libro a experiencia imponse como un feito sen solución. A aparente referencia á xustiza de Deus no v. 17 (mera citación implícita?) vén contrastada coa reflexión acerca da morte. Esta atangue un cru e realista acento polémico no v. 20; nel pódese intuír unha contraproba á teoría dos grupos de escolantes prefarisaicos da época que argumentaban, partindo da Xénese, coa distinción entre o espírito vivificante ("rúah") do home e do animal. Qohélet non nega, mais non o convencen tales disquisicións. Remata, xa que logo, no v. 21 cunha referencia á súa resolución programática e coa dúbida como resposta.

[17]Pensei para min: tanto ao xusto coma ao
impío haos de xulgar Deus, pois:
Hai un tempo para todo
e para cada acción hai un decreto.
[18]Con respecto aos humanos, matinei deste xeito: Próbaos Deus para que vexan que
de seu son coma as bestas, [19]xa que igual é
o destino dos homes e o das bestas: como
morre este morre aquel; entrambos teñen o
mesmo alento. Nin lle leva o home vantaxe
ao bruto, xa que todos son un sopro.
[20]Todos van dar no mesmo lugar: "Todos
veñen do po; todos tornan ao po". [21]Quen
pode saber se o alento dos homes ascende ás
alturas ou se o bafo das bestas baixa á terra?
[22]Decateime que non hai cousa mellor que
o que o home goce das súas obras. Tal é o seu
quiñón, pois: Quen pode darlle a ver o que
virá despois del?

### A opresión dos poderosos

**4** [1]De novo púxenme a observar todas as
opresións que se cometen baixo o sol. E
velaquí as bágoas de inocentes, sen que ninguén se apiade; vénlles violencia da banda
dos opresores, sen que ninguén se apiade.
[2]E felicitei aos mortos que xa finaron máis
felices do que os vivos que han vivir aínda,
[3]e por riba deles os que nin sequera naceron,
pois non ollaron a dura tarefa que acontece
baixo o sol.

### A competencia nos negocios

[4]Teño observado que o traballo todo e toda
empresa nace da competencia dos uns cos
outros. Iso tamén é efémero e papar ventos:
[5]O parvo crúzase de brazos
e consómese a si mesmo,
[6]Mais: Mellor unha man chea, e paz,
ca dúas, e traballo, ...e papar ventos.

### III. A soidade e a compaña

[7]Tornei a considerar outra cousa efémera
baixo o sol:

[8]O caso onde hai un e non hai dous: un
home sen fillo nin irmán e, con todo, traballando decote sen se dar farto de riquezas. E
non matina: "Para quen traballo eu e me privo da felicidade?". Tamén vos é boa tolemia
e esforzo ingrato!
[9]Mellor son dous ca un: tirarán bo proveito do traballo de entrambos. [10]Se caen,
un pode axudar ao outro. Mais, malia o só!
Cando caia non terá quen o erga. [11]E aínda
máis: dous xuntos a durmir, quecen ben; un
só como se quentará? [12]E: a un só, pódeselle;
dous xuntos, resisten. E: corda de tres fíos
non se rompe axiña.
[13]Máis vale mozo pobre e listo ca rei vello
e parvo, que xa non sabe facerse aconsellar.
[14]Abofé, aquel sae da cadea para reinar, por
máis que nacese pobre durante o reino do outro.
[15]E observei a todos os viventes que camiñan baixo o sol pórse da parte do mozo aspirante ao trono que collía a sucesión. [16]Non se
contaba a xente diante da que marchaba. E
así e todo, os vindeiros xa non irán tan ledos;
pois tamén isto é un sopro e papar ventos.

### IV. O comportamento relixioso

[17]Ten conta dos teus pasos cando vaias á
casa de Deus: achegarse para escoitar é mellor ca o moito sacrificar dos alpabardas, pois
a eses fáltalles siso mesmo para facer o mal.

**5** [1]Non te precipites coa túa boca; non se che
apure o pensamento ao presentares ante
Deus o teu afán. Pois Deus está no ceo e ti na
terra: sexan poucas as túas verbas!
[2]Xa que: No moito se ocupar, vén o sono e
nas moitas palabras, a voz do necio.
[3]Se fas unha promesa a Deus non te demores en cumprila. A Deus non lle compracen
os badocos: o que prometiches, cúmpreo!
[4]Mellor é non prometer que prometer e non
cumprir.
[5]Non deixes que a túa boca leve o teu corpo a un erro, e non digas despois ao ministro

**4**, 1-3 O asoballamento dos pequenos leva ao autor a unha actitude en contradición con toda a tradición sapiencial: a loanza dos mortos. Da morte ollada correntemente como ámbito alleo ao Deus salvador, pásase á consideración do seu aspecto de liberdade e acougo de cara aos "moitos males" que trae o vivir. Gabando o mínimo de existencia do aborto, Qohélet aproxímase a Xob **3**, 1ss e a Xer **20**, 14ss, aínda que con diferente acento.
**4**, 6 O *papar ventos* parece ser unha glosa dun copista.
**4**, 7-12 Nótese que para o autor a compaña do fillo ou do amigo ten en conta a utilidade. En ningures a atoparemos co matiz de afecto e amor do "non é bo que o home estea só" de Xén **2**, 18. Fica isto ben ilustrado na serie de proverbios propostos.
**4**, 17 *Achegarse para escoitar* é termo cúltico que supón unha pregunta feita ao oráculo sagrado.
**5**, 1-2 Sobriedade na pregaria: poucas palabras e non requintadas; mais o fundamento non é a confianza de saber o que Deus xa sabe (cf Mt **6**, 8), senón a distancia fáctica de Deus.
**5**, 5-6 O descoido na realización do ritual pode levar a unha "xegagah": un pecado por erro ou falta de atención. Este concepto, que chegará no rabinismo a equivaler a "pecado venial", neste paso supón un descoido culpable. A vergonza de ser corrixido polo ministro sagrado vai emparellada coa posibilidade de fracaso no que se demanda.

sagrado: equivoqueime. Por que dar motivo
para que Deus se irrite polo que dixeches, e
destrúa as obras das túas mans?
6Pois: onde abundan os soños e as moitas
lixeirezas, alí se atopa o exceso de palabras.
Teme a Deus, logo!

**Pobres e ricos**

7Se ollares na bisbarra ao pobre asoballado, e violados o dereito e a xustiza, non te
asombres do asunto!
Un home nun posto alto vixía ao outro e
aínda teñen por riba deles aos seus maiores.
8E, a pesar de todo, sempre é de interese para
un país ter un rei que controle a agricultura.
9O que ama o diñeiro non se dá farto del,
e a quen ama a riqueza non o sacian ganancias; e tamén isto é vacuidade.
10Co aumento de fortuna, moreas de comensais, e, que proveito tira o seu dono, á
parte de vela cos seus ollos?
11Doce é o sono do obreiro, coma pouco ou
coma moito; mais a fartura quítalle a paz ao
rico e non dorme.
12Hai un mal de adoecer que eu contemplei
baixo o sol: riquezas aforradas por alguén
para o seu propio dono.
13A un tal pérdeselle por un casual a facenda nun mal negocio, e o fillo que lle naceu fica coas mans baleiras, 14e: como saíu
do ventre da súa nai, volta espido como veu.
Non pode levar consigo dos seus bens, nin
o que cabe na palma da man. 15Tamén esa é
cativa sorte, o terse de ir como se veu. Que
vantaxe tirou do seu traballar para o vento?
16Todos os días comendo ás agachadas, e
por enriba tantas mágoas, doenzas e xenreiras.
17Velaí, por tanto, o que eu considero o
mellor: o que ten conta é comer e beber e gozar da felicidade co que se gañou fatigándose
baixo o sol, nos días contados que lle concede Deus a un. Pois tal é a súa herdanza.
18Que a un home lle dea Deus riqueza e bo
vivir, e lle permita comer do seu gozando da
sorte e aledándose co que posúe, iso si que é
don de Deus. 19Non se porá xa tanto a matinar
nos días que vai vivir, pois dálle Deus ocupación coa ledicia interior.

**5**, 7-19 Pobres e ricos, asoballados e herdeiros, poboan unha manchea de cadriños tirados da experiencia, dos que se deduce que a riqueza non leva de seu á felicidade.
**5**, 7-8 Podería ser un fragmento independente.
**5**, 17-19 Imponse recoller o "don do día", *a herdanza*. "Esforzo", "felicidade", "don", "Deus", fan de novo resoar **2**, 24-**3**, 15; os momentos de ledicia fan esquecer o tempo fuxidío, pois esconde en si un gran de inmortalidade (v. 19).

**V. O desexo que non se sacia**

**6** 1Outro mal vin baixo o ceo que preme
moito nos homes:
2Dálle Deus a un riquezas, bo vivir, boa
sona; nada lle faltou ao seu apetito de canto
puidese anhelar; pero Deus non lle permite
gozalo, senón que un alleo llo goza. Iso si
que é absurdo e unha desventura grande. 3Por
máis que críe cen fillos e viva unha morea de
anos; por moitos que sexan os seus días, se
non pode fartar a súa fame de felicidade, nin
acada sepultura, coido eu que máis sorte ten
un aborto, 4xa que:

Chega en van, vaise coas tebras,
e na sombra ocúltase o seu nome.

5Aínda que non ollase o sol e non coñeza
nada, con todo máis repousa este ca o outro.
6E mesmo se un vivise dous milleiros de
anos sen experimentar goce ningún, non van
dar todos no mesmo lugar?
7Todo canto o home trasfega é para a súa
boca mais a súa gorxa non se dá enchida.
8Que vantaxe lle leva o sabio ao necio, ou
o pobre ao que sabe arranxarse pola vida?
9Mellor é ter algo á vista, que deixar vagar
o anhelo. Pero tamén isto é un sopro e papar
ventos.
10O que sucede xa estaba determinado hai
tempo. O que un home é xa se sabía. Non é el
quen para debatelo con quen pode máis ca el.
11O moito falar disto non fai máis que aumentar o sen sentido. De que lle serve ao home?
12Pois quen sabe o que lle cómpre ao home na
súa vida cos días contados do vivir efémero
que esmorece coma a sombra? E quen pode
informalo do que vai acontecer despois del
baixo o sol?

**VI. Que é o mellor?**

**7** 1Máis vale unha boa sona
do que un perfume caro
e o día da morte ca o día de nacer.
2Mellor é ir a un velorio
que ir a unha casa en festa.
Alí atópase un coa fin de todo home,
e a quen aínda vive dálle en que matinar.
3Mellor é sufrir ca rir,
pois a faciana seria
faille ben á conciencia.

**6**, 3-6 Centos de fillos, milleiros de anos de vida (vv. 3. 6): tal era o motivo hiperbólico de felicitación no ámbito sapiencial, e a característica do home bendito de Deus no ámbito sacro iavista. Pero Qohélet ten unha sensibilidade tan agónica para o limitado e pequeno do tempo vital, que torna a se considerar da sorte do aborto como algo envexable.
**6**, 10-12 Reafírmase a determinación dos tempos pola man de Deus e a inutilidade do esforzo humano por se procurar información verbo dela (cf **3**, 10-15).

[4]A reflexión dos sabios
acouga na casa en loito;
mais o anhelo dos parvos,
onde haxa troulada.
[5]É preferible escoitar
a reprensión dun sabio
que soportar os cantos dos alpabardas,
[6]xa que, como o chispear dos toxos
baixo o pote
é a gargallada do necio;
e tamén iso é vaidade.
[7]E outra cousa sen tino:
a chantaxe pode facer tolear o sabio
e o suborno corromperlle o bo xuízo.
[8]Mellor é o remate dun asunto
ca o comezo;
mellor é a paciencia ca a fachenda.
[9]Non te alporices axiña,
que a xenreira acouga no colo dos necios.
[10]Non penses:
Como é que os tempos pasados
eran mellores ca estes?
Semellante pregunta non é de sabio.
[11]Tan boa é a sabedoría
coma unha herdanza:
unha vantaxe para os que ven o sol.
[12]Abofé: Sombra da sabedoría,
sombra do diñeiro; mais cunha vantaxe:
que o coñecer a sabedoría
fai vivir a quen a posúe.
[13]Contempla a obra de Deus:
quen poderá arranxar o que El torceu?
[14]Cando veñan ben dadas, goza!
Cando veñan malas, cavila!
Tanto unhas coma as outras fixoas Deus,
de sorte que o home
non descubra nada do seu futuro.

## VII. Nada de máis

[15]De todo vin na miña vida efémera: xente de ben que perece por mor da súa inocencia, e xente impía que medra pola súa maldade. [16]Non sexas bo de máis nin sabio de máis! Para que arruinarte? [17]Non te pases de malo nin de parvo! Para que morrer antes de tempo? [18]O axeitado é que collas disto sen deixar de man aquilo, porque o que teme a Deus foxe dos dous extremos.

[19]A sabedoría dálle ao sabio máis poder ca aos dez que gobernan na cidade.

[20]Abofé, non hai na terra home tan perfecto que faga sempre o ben e nunca erre.

[21]Non prestes atención ás paroladas que se falan nin deas oídos ao teu escravo cando renega de ti. [22]De sobra sabes cantas veces falaches ti mesmo mal dos outros.

[23]Probeino todo de modo sistemático coidando que chegaría a sabio, mais, que lonxe ficou de min a sabedoría! [24]Todo o que acaece continúa lonxe, e profundo o que era profundo; quen o acadará?

## VIII. A muller

[25]Volvinme con todo siso a estudar, pescudar e inquirir o que sexan a sabedoría e a razón das cousas, e a recoñecer que a maldade é necidade, e a necidade unha tolemia.

[26]E isto atopei: que máis amarga ca a morte é a muller, que é unha rede de cazar; as súas teimas son lazos, e os seus brazos, cadeas; quen é agradable a Deus, líbrase dela; e quen é pecador, é cazado por ela. [27]Velaquí o que descubrín –di Qohélet– pescudando unha cousa despois da outra para lle atopar razón; [28]o que aínda estou buscando e non atopei: se entre un milleiro aínda se dá cun home, unha muller, entre todas, nin se encontra. [29]Soamente, mira ti, descubrín o seguinte: Deus, de seu, fai ao home xusto; mais son eles os que se buscan moitas complicacións.

**7**, 11-12 Chegamos a unha primeira conclusión: trae máis conta a sabedoría pois acrecenta a vida; é unha das "vantaxes" (v. 12b) neste mundo (cf **1**, 3) e unha defensa no tempo.

**7**, 13-14 Deus e o seu obrar andan de novo por medio: o home ao non saber, pode ter por torto o dereito (cf **1**, 15). Como Xob, Qohélet ve chegar o mal da man de Deus, mais non se revolta como aquel. A súa actitude é a do temor distante, a do sometemento de cara a alguén con quen non é dado discutir. El non enxerga máis ca bens relativos, ficando ende ben á disposición desa divindade distante que acolle no "temor" (cf **3**, 14; v. 6).

**7**, 15-24 A renuncia ao titanismo e a todo intento de se asegurar aínda no ben, contradí a postura da escola sapiencial. Non é estraño que no v. 20 se puidese ler o "simul iustus et peccator" da reforma: a "Superxustiza" falla por razóns internas (cf Xob **15**, 14-16; Sal **130**; Pr **20**, 9), por "se xustificar nas propias obras".

**7**, 19 *Os dez que gobernan* poden ser os mandatarios que administraban a polis helenística; como sabemos por Flavio Xosefo, algunhas cidades palestinas acolleran este xeito de autoridade colexial.

**7**, 22 Tirar da propia debilidade unha actitude humanitaria e comprensiva é un paso adiante na sensibilidade moral da época, se ben xa estaba presente nas instrucións exipcias de Ani e Amen-em-ope, do s. VII a. C.
Humildade como veracidade e relativismo de si mesmo son parte do ensino desta instrución.

**7**, 25-29 Estes vv. considéranse como dos máis antifeministas da Biblia e, en efecto, teñen ese matiz. Cómpre, non obstante, ter en conta que o tema da muller como perigo era un exercicio obrigado da escola sapiencial, e que na outra pasaxe onde Qohélet fala expresamente da muller (**9**, 9), ela constitúe un dos "dons" de Deus. **7**, 25-29, polo tanto, redúcese a unha exemplificación da situación vital onde o "procurar" do home vai bater contra a disposición libre de Deus.

### IX. Inseguridade e inquedanza

**8** [1]Quen é coma o sabio? Quen é capaz de interpretar un feito?
A sabedoría dun home bríllalle no rostro, e trócalle a dureza da face.
[2]Ti cumpre a orde do rei e non te precipites con respecto ao xuramento a Deus. [3]Sae da súa presenza, non quedes, se estás nunha mala situación, pois pode facer todo canto quere. [4]Porque: A palabra do rei é poderosa e quen lle vai dicir: "Que fas ti alí?".
[5]Quen cumpre co mandado, non sufrirá mala fortuna; e do momento oportuno e do xuízo, sabe o corazón sabio.
[6]Xa que todo asunto ten o seu tempo e a súa razón, e sobre o home penden moitos males; [7]non coñece o que lle pode acaecer, e, quen o vai informar do que está por vir? [8]Non hai home que poida controlar o espírito, como non hai control do día da morte, nin evasión da loita, nin riqueza que deixe libre ao seu dono.
[9]Todo isto considerei prestando atención a canto se fai baixo o sol durante o tempo en que un home domina sobre outro para mal.

### X. O problema da retribución

[10]Deste modo vin eu levar para a cova aos impíos. E vaise con eles, e vólvese do camposanto. E esquécese na vila o que fixeron. Tampouco isto non ten xeito!
[11]E se a sentencia por un mal proceder non se executa deseguido, os homes collen folgos para facer o mal; [12]con todo, aínda que é verdade que o pecador que fai o mal cen veces, é tolerado, ben sei eu aquilo de: "Os que temen a Deus terán a felicidade xustamente por temelo"; [13]e tamén: "Non lle irá ben ao impío; igual que a sombra non prolongará os seus días, porque non teme a Deus".
[14]Aínda hai outra cousa absurda na terra: Xustos aos que lles vai como se obrasen coma impíos; impíos aos que lles vai como se fixesen igual ca os xustos. Eu penso que tamén isto é un absurdo.
[15]Eu aprobo a ledicia, pois non hai cousa mellor para o home baixo o sol que comer e beber e gozar. Isto é o que o acompaña no seu esforzo os días de vida que Deus lle dea baixo o sol.

### XI. Tampouco os sabios coñecen o obrar de Deus

[16]Apliqueime a coñecer a sabedoría e a considerar o traballo que se realiza na terra: nin de noite nin de día albisca o home o sono cos seus ollos.
[17]E observei todo o facer de Deus: o home non consegue descubrir o propósito do que se fai baixo o sol; e por máis que o home se esgote en procuralo, non o atopa; e aínda que o sabio coida que o sabe, non pode dar con el.

**9** [1]Pois ben, a todo isto apliquei a miña mente para chegar ao seguinte resultado: que os xustos e os sabios e as súas obras están na man de Deus. Amarase ou aborrecerase, tampouco o sabe o home. Todo canto ten diante é [2]efémero; xa que a todos alcanza o mesmo destino: ao inocente e ao culpable, ao puro e ao impuro, ao que ofrece sacrificios e a quen non, ao home de ben e ao pecador, ao que xura e a quen ten medo de xurar.
[3]Este é o mal que acompaña a canto acaece baixo o sol: o tocarlles a todos a mesma sorte; e xuntamente, o estar o corazón dos homes cheo de malicia, con arroutadas no maxín mentres viven e co porvir entre os mortos.
[4]Quen aínda estea asociado cos vivos, ten esperanza, xa que:
Máis conta can vivo ca león morto.
[5]Pois: Os vivos saben que han morrer; os mortos non saben xa máis nada nin van ter

**8**, 2-4 Proponse o caso do xuramento que un conselleiro real debe facer ao empezar un proceso do que logo vai decidir o rei na súa prepotencia (Xob, en **9**, 12, di algo semellante de Deus).
**8**, 5-7 Repite proverbios normativos de escola, pero radicalizados noutra dirección: o tempo cae de imprevisto e non é doado aseguralo.
**8**, 8-9 A conclusión torna aos criterios do comezo do libro (o home non controla; o home non sabe), mais acomodándoos ao caso do dominio absoluto que se vén de explicar. Qohélet non nomeou a Deus e, con todo, El é o omnipresente na figura do que "pon límites" dos que non se pode nin fuxir nin dispor.
**8**, 10-15 Polémica intra-académica: a "inxustiza do mundo" non ten retribución inmanente; o xuízo non se cumpre; os impíos recollen o que debe pertencer aos xustos: tal é a postura non ortodoxa de Qohélet. Os vv. 12 e 13, coa citación das frases consabidas, teñen un aire, entre irónico e turbado, de quen non acada explicarse.
**8**, 10 Recolle probablemente un feito de crónica necrolóxica real: o enterramento, nun gran mausoleo ("Maqom qadox", pódese referir tamén ao camposanto), de alguén que asoballou aos cidadáns en vida, nun tempo de inxustiza axiña esquecido.
**8**, 16ss Amosan sinxela e valorosamente a crítica ao estamento e dogmas dos sabios: menten ao diciren que o sentido do obrar de Deus é coñecible. O que os sabios fan é unha grande "logomaquia", parolar por parolar.
**9**, 2-6 A única resposta existente é a diferente determinación do que vén de Deus; e iso como tal non é posible sabelo. A morte é o caso máis claro desa determinación. A serie contraposta do v. 2 esnaquiza todos os canons sapienciais.

recompensa, pois esquécese a súa memoria.
6Amor, odio, envexa, para eles rematou todo.
Nin terán máis parte no que se fai baixo o sol.

**Aproveita o don de Deus**

7Vai comer no teu pan con ledicia! Bebe
contento do teu viño! Pois Deus xa se
compraceu nas túas accións. 8Viste en todo tempo
vestiduras brancas e non falte o perfume so-
bre a túa cabeza!
9Goza da vida coa muller que amas todo
o que dure a túa efémera existencia, a que
se che concedeu baixo o sol, o total dos teus
días efémeros! Tal é o teu quiñón de vida e
de traballo polo que te ocupas baixo o sol.
10Canto estea na túa man facer, faino! Porque
non hai actividade, nin cálculo, nin coñecer,
nin sabedoría no xeol, para onde camiñas.

**Incerteza do tempo**

11De novo observei baixo o sol que non é
dos veloces a carreira nin a guerra dos he-
roes, nin dos asisados o ter pan, nin dos en-
tendidos a riqueza, nin o favor dos sabedores,
senón que a ocasión e a sorte cáenlles por
igual a todos.
12Por enriba diso o home non sabe do seu
momento: coma os peixes se enredan na rede
fatal, e os paxaros se pillan coa trampa, do
mesmo xeito atrápanse os homes nun mal
momento cando lles vén enriba de improvi-
so.

**XII. Máis vale maña ca forza**

13Vin aínda outro caso adoutrinador baixo
o sol, que me encolleu o ánimo:
14Había unha pequena vila na que habita-
ban poucos homes. E chegou ata ela un gran
rei, que a cercou e construíu contra ela gran-
des torreóns. 15Atopábase alí un home, pobre
pero mañoso, que coa súa sabenza salvou a
vila. E así e todo ninguén se lembrou máis
daquel home pobre.
16Dixen entón para min: Máis vale maña
ca forza, só que a maña do pobre é despre-
zada se ninguén presta oídos ás súas razóns.
17Verbas de sabios escoitadas con sosego
valen máis ca os berros dun comandante de
parvos. 18Mellor é a astucia que as armas gue-
rreiras, mais un erro só bota a perder moitos
bens.

**XIII. Tolemia e necidade**

**10** 1Unha mosca morta fai feder un per-
fume de marca, e un pouco de tolemia
custa máis caro ca o saber e a gloria.
2Se o sabio dirixe a mente para a dereita o
tolo faino para a esquerda. 3Por onde queira
que camiñe o parvo, fáltalle siso: vai procla-
mando a todo o mundo que está tolo.
4Se a xenreira do que manda se dirixe con-
tra ti, non deixes o teu posto, xa que: A man-
sedume sanda grandes erros.

**Ineptos, no poder**

5Vin que hai un mal baixo o sol, unha es-
pecie de falta que ten orixe no soberano: 6Un
inepto posto en altos cargos, mentres que os
aptos e capaces sentan por debaixo. 7Vin ser-
vos de a cabalo e principais camiñando coma
servos pola terra.

**Tamén o ben pode traer males**

8O que cava unha foxa, pode caer nela
e quen derruba un muro
pode ser mordido pola cobra.
9Quen pica pedras pódese ferir con elas,
quen parte leña pódese mancar con ela.
10Cando o ferro se engrosa
(por non lle afiar o gume),
cómpre facer máis forza,
mais é unha vantaxe
empregar ben a habilidade.

**Distintos falares**

11Cando a serpe pica antes do esconxuro,
de nada vale o esconxurador.
12As verbas da boca do sabio son axeita-
das, os labios do tolo son os que o perden; 13o
seu exordio xa é unha parvada e a súa pero-
ración, un fatal desvarío, 14e conste que o tolo
fala abondo.
Con todo, o home non sabe o que vai suce-
der, e, quen lle contará o que virá despois del?
15Cando por fin ficará canso o tolo no seu es-
forzo se nin sequera dá co camiño para a vila?

**9**, 7-10 Algo semellante dicían o Guilgamex e o Arpista exipcio. Qohélet non sabe ren de que Deus garde en si o don da vida total; el parte da realidade vista de tellas abaixo, o único modo de atopar algo que el descobre para o home. O tempo da "verdade" xoánea, descuberta en Xesús de Nazaré, aínda non chegara.

**9**, 11-12 Disposición incógnita de Deus e tempo fuxidío son as dúas trabes da construción qoheletiana: o tempo cae por riba, insospeitado, e enreda aos homes independentemente da súa habilidade. Rm **9**, 16 lerá un feito de observación semellante, mais na clave da salvación pola graza ou polas obras.

**10**, 1 Na colleita de reflexións dun sabio coma Qohélet, non podía faltar unha escolma de proverbios ao xeito tradicional (**10**, 1-**11**, 6). A selección non se fai baixo unha temática unitaria.

**10**, 5-7 O feito da presenza dos ineptos no poder era tópico na escola e arrinca da literatura exipcia xurdida en torno ás crises do Imperio Medio faraónico.

### Crítica aos gobernantes

16 Ai de ti, terra onde o rei é un monifate,
e onde os ministros esmorgan desde a alba!
17 Benia ti, terra na que o rei é un notable, e
onde os ministros xantan ás súas horas!, barís, non bébedos.

### Temas varios

18 Por neglixencias afúndense as trabes do
teito, por mans nugallás pinga toda a casa.
19 Para folgar fanse os banquetes, e o viño
aleda a vida, e o diñeiro concede todo.
20 Non renegues do rei nin en pensamento!
Non fales mal do rico nin na alcoba! Pois ata
os paxaros do ceo lle irán co conto, e mesmo
os seres alados murmuran.

### Risco e valor na empresa

**11** 1 Envía o teu trigo polo mar, despois de
moitos días halo recobrar!
2 Reparte en sete e aínda en oito partes pois
non sabes das desgrazas que poden suceder
no país.
3 Cando as nubes van cheas vai descargar
a chuvia polo chan. Caia para o sur ou caia
para o norte, onde se deite a árbore alí queda.
4 Quen moito olla para o vento, non sementa; quen moito olla para as nubes, non
colleita.
5 Do mesmo xeito que non coñeces como
chega o sopro da vida aos ósos no seo da muller preñada, tampouco sabes ti do obrar de
Deus que o fai todo.
6 Sementa de mañá a túa semente e pola
tarde non pouses as túas mans, xa que ignoras cal das dúas sementes vai medrar, nin se
as dúas son igual de boas.

### XIV. Loanza da vida

7 Doce é a luz,
e amable para os ollos ver o sol.
8 Por moitos anos que viva o home,
goce deles todos,
e lembre os días escuros
que tamén serán moitos,
pois o futuro é efémero.
9 Fólgate, rapaz novo, na túa mocidade
aleda o corazón no tempo da xuventude,
sigue os impulsos do teu ánimo
e o que cobicen os teus ollos!
(Sabendo así e todo que de todo
te ha chamar Deus a render conta).
10 Desbota a tristura do teu corazón,
arreda o sufrimento do teu corpo!
Pois infancia e mocidade son un sopro.

### Alegoría da vellez

**12** 1 Lembra ao teu creador
nos anos mozos
antes de que cheguen os días malos
e te atopes cos anos dos que dirás:
"Non sinto pracer neles!".
2 Antes de que se enfusque o sol e a luz,
a lúa e as estrelas,
e retornen as nubes tras a chuvia;
3 o día en que treman os gardiáns da casa
e se dobren os fortes,
e deixen de moer as pedras de muíño,
que serán poucas,
e escurezan os que ollan desde as fiestras.
4 Cando se pechen os portóns
que dan á rúa,
e esmoreza o fungar do muíño
convertido en rechouchío de paxaros,
e se esgoten os cantares.

**10**, 16-17 Crítica aos gobernantes (cf a Instrución a Lemuel en Pr **3**, 4s; e Is **5**, 11s. 22s).
**10**, 18-20 O v. 18 recolle o tema tradicional da preguiza; e os vv. 19. 20 os do festexar e do rei, que foron probablemente atraídos pola materia dos vv. 16. 17.
**11**, 1-6 Esta segunda escolma relembra a forma de xéneros variados de **10**, 1-20 (vv. 1. 6: amoestacións; v. 5: alocución directa), mais en troques, aquí a temática é común a todos eles.
**11**, 1 Traducido correntemente "botar o pan na auga" (xesto de desinterese); lemos por textos paralelos cananeos a presente versión, que non pon o acento na sorte, senón no risco e o valor da empresa. O comercio mariñeiro era daquela o prototipo da empresa arriscada, que os israelitas aprenderan dos fenicios.
**11**, 7ss Loanza da vida, Ledicia da mocidade, Bosquexo da morte: remata o seu libro cunha das páxinas máis belidas do A. T., tanto pola súa doce cor romántica como pola fonda señardade que rodea e tingue o sobrio da súa exquisita poesía. A morte non é xa o relativizador total, senón a chamada a recoñecer o lume marabilloso da vida (**11**, 7-**12**, 7).
**11**, 9 O v. 9b interrompe a serie de amoestacións. Emprega as mesmas verbas ca o epiloguista de **12**, 13, polo que cómpre consideralo como unha interpolación. Qohélet non sabe dun xuízo final sobre a vida persoal con sancións na ultratumba.
**12**, 1-7 Unha última amoestación esténdese na alegoría pormenorizada da ancianidade.
**12**, 1 Xuízo universal valorativo: vellez é igual a días cativos, sen pracer nin gusto.
**12**, 2 Empeza a descrición polo miúdo. Non é cousa doada atopar o sentido de todas as correspondencias. En xeral recollen as experiencias climáticas da Palestina, a botánica, os costumes, para ilustrar o decaemento do corpo e o paso do tempo: a vellez é coma o inverno (v. 2); nela, a casa do espírito, que é o corpo, vaise derrubando: os brazos "gardiáns", as pernas "fortes", os dentes "muiñeiros", as "fiestras" dos ollos (v. 3).
**12**, 4 Refírese ao minguar do oído.

[5]Darán espanto
mesmo os tropezos do chan
e amedrentarán as rúas.
Cando floreza a amendoeira
e o saltón se pouse
e non teña a alcaparra o seu amargor,
porque o home camiña
para a morada eterna
e xa roldan polo adro as carpideiras.
[6]Antes de que crebe o fío de prata
e rompa o pichel de ouro
e quebre a cántara na cisterna
e se fenda a roldana no pozo;
[7]e torne o po á terra que antes era,
e volva o espírito cara a Deus, que o deu.
[8]Nada máis ca un sopro,
di Qohélet, todo é un sopro!

## EPILOGO I

[9]Qohélet, amais de ser sabio, ensinou ao pobo o que sabía. Recolleu, examinou e recompuxo moitos ditos. [10]Procuraba Qohélet dar coas verbas asisadas, escribindo con xeito palabras verdadeiras.

[11]As sentencias do sabio
son coma aguilladas;
e cravos ben afincados
o que se atopa nas escolmas,
cando os presenta o pastor en persoa.

## EPILOGO II

[12]Por enriba de todo, meu fillo, déixate aconsellar: o moito escribir libros non ten fin, e o moito matinar fatiga o corpo.

[13]Conclusión de todo o escoitado: Ti teme a Deus, e garda os meus mandatos, pois iso é ser home cabal; xa que Deus vai levar a xuízo todas as accións, aínda as ocultas, sexan boas ou malas.

**12**, 5 Ilustra o paso do tempo. As correspondencias aquí non son claras; pódense referir ás estacións: primavera, verán, outono; ou ben aos cabelos brancos, ao pesado das pegadas, á función estimulante da alcaparra. O cadro final deste v. acada un sabor fondamente realista.
**12**, 6 Amorea as metáforas da vida: que é luz nunha prezada e fráxil candea; que é auga nunha sella quebradiza.
**12**, 7 Deixando as imaxes, torna ao feito da disolución do home, po e espírito revitalizador ("rúah"), que "Elohim" (Deus) dera. De novo, aparentemente, unha nova lectura de Xén **2**, 7.
**12**, 9-11 Xa pechado o libro, un discípulo intentou presentar ao lector o aspecto moral e académico do seu mestre.
**12**, 11 Este proverbio dá a clave das verbas dos sabios: feren, sosteñen, dirixen; non son cousas de aprender; son incitacións a cavilar. No fondo delas está Deus como o "pastor" que as presenta (cun título que era de sobras coñecido en todo o ámbito oriental). Como nas palabras da revelación, tamén polo medio do ensino honrado deste mestre nos chega unha mensaxe de parte de Deus.
**12**, 12-13 Un segundo epiloguista serodio sentiu o arrepío da dureza e crueza do libro. Poida que xa se debatese daquela o problema de se Qohélet debía ter un posto no canon ou non; cunha corrección pietista aínda podía pasar... O mestre Qohélet fica nun segundo plano, e o que importa é atoparlle ao libro un sentido relixioso sintético. O que di este epiloguista piadoso é: o libro non carece de perigo; mellor é aterse á lei; "temor de Deus" non é o que di Qohélet, senón gardar os mandamentos e crer no xuízo.
O que aquí se di ten sentido noutro contexto, máis próximo do Eclesiástico (Ben Sírah). Tal vez grazas a este epílogo puido conservarse o Qohélet da sinceridade cruel e da fe limitada mais rexa; o home do respecto total á liberdade de Deus.

# INTRODUCIÓN AO CÁNTICO DOS CÁNTICOS

*Este pequeno fato de versos que compón o Cántico, sorprende polo estilo, temática e linguaxe. O libriño, do que un rabino do século I d. C. dixera que toda a creación non vale o que el, sitúa ao lector ante a profanidade e beleza dunha lírica amorosa con todo o feitío, aire livián e fondura delicada de sentimentos que caracterizan, poñamos por caso, as Cántigas de Amigo.*

## 1. Tempo ao que pertence o libro

*O Cántico, na derradeira forma literaria do texto hebreo, patentiza unha fixación final arredor do século IV ou III a. C.; así, as formas gramaticais serodias ou arcaizantes de fondo influxo aramaico, elementos culturais arribados a Israel na época persa (azafrán, nogueira, paraíso) e aínda palabras de probable orixe helenística coma o "Apirion" (= Palanquín), de **3**, 9. Non obstante, os materiais de que vén composto dan testemuño de contextos moi variados e sen dúbida en grande parte anteriores, aínda que a atribución a Salomón constitúe soamente un caso máis da pseudoepigrafía tópica da época.*

## 2. A relación esponsal de Deus co pobo elixido

*Esta afirmación introduce o enguedellado problema da súa interpretación. Ao longo de séculos a tradición cristiá recolleu a herdanza do rabinismo, que lera o Cántico de primeiras na clave historificante das relacións de Salomón cunha das súas esposas, despois na clave simbólica dun diálogo Salomón-Sabedoría, e, para rematar, como unha versión alegórica da historia de Iavé co seu pobo. Esta última esexese, que aínda recolle adhesións dalgúns comentadores relixiosos aducindo textos dos profetas que empregan a simbólica matrimonial (Oseas, Isaías, Xeremías, Ezequiel), esqueceu o feito decisivo de que na alegoría profética Iavé, o esposo, é o único con iniciativa, e Israel como esposa adúltera non ten de seu nin beleza nin asume actividade, sendo amada só como favor gracioso de Iavé; pero no Cántico a meirande parte da iniciativa corresponde á figura feminina que é desexada polos propios engados; e, en segundo lugar, parece deixar de lado o feito de que o Cántico en ningún momento presenta as relacións no matrimonio-institución, senón o amor entre dúas persoas sen máis especificar. A atmosfera pietista e o escándalo diante da linguaxe libre e natural do libro en épocas puritanas, deron pé a que as transposicións das que xurdiron a valoración teolóxica eclesial e a visión do Cántico como parábola do encontro Alma-Deus, Alma-Cristo, na grande mística cristiá, chegasen a reclamar a exclusividade interpretativa.*

## 3. A cuestión do autor

*Hoxe en día todos os grandes comentarios tenden a decantarse por unha interpretación máis obvia e sinxela: trátase dunha escolma feita por un sabio ou grupo de sabios que, como facían os escribas letrados en Exipto, recolle as xoias da poesía do seu pobo para as transmitir á posteridade. O estudo dos modelos mesopotámicos e sobre todo exipcios, e mais o coñecemento do folclore árabe, fan detectar no Cántico unha chea de xéneros de lírica amorosa: o canto descritivo, o Laio xunto á porta, o canto da beleza corporal, a danza coral, etc. Neles atópanse os personaxes ficticios do pastor, o xardineiro, o rei, a fermosa labrega; xunto cos tópicos da viña, o xardín, a fonte; e todos eles envoltos nunha estética das sensacións e dos sentimentos máis ca do figurativo, cousa que debe ter moi en conta o lector occidental. A temática será a eterna: arelas, ledicia do descubrimento, señardade, paixón, festa do encontro definitivo.*

*De entre os poemas escolmados, uns están posiblemente compostos baixo o influxo da hímnica cúltica estranxeira (ritos da fecundidade), ben que adaptados á expresión amorosa cotiá; outros reflicten costumes ou cantos da voda paisana que aínda hoxe persisten no mundo semítico; outros, por fin, revelan un ámbito literario e mesmo culterano. O principio de agrupación dos poemas, que no pasado se intentaba presentar coma un diálogo continuo ou se buscaba unha liña argumental dramática (amores dun pastor e unha pastora co rei como rival), haberá que procuralo recoñecendo os métodos típicos dos sabios: acumulación arredor dun tema (a primavera, vodas de Salomón), ou encadeamento arbitrario por verbas que se repiten en postos claves (viño, noiva, etc.).*

## 4. Lirismo e sabedoría no Cántico

*O que resta, feitas estas agrupacións, son uns poucos versos que, a maneira de retrouso ou refrán, se repiten unha e outra vez (**2**, 6. 7. 16. 17; **3**, 5; **6**, 3; **7**, 11; etc.) e que coma tales dividen as agrupacións e dan unidade á colleita. Neles é doado enxergar o labor e intención do escolmador, e, con el, o sentido do libro: nunha época de disolución de costumes, o colector tenta presentar a fermosura e profundidade do amor entre un home e unha muller novos, que se admiran, aceptan, escollen e unen. Segundo eses refráns, o amor é acougo e tenrura; non se pode forzar, é libre; o amor é pertenza mutua; o amor é fráxil. O cumio do libro constitúeo unha composición xa non lírica senón de cariz sapiencial (**8**, 6-7), que descobre a clave de toda a colección falando da potencia e teimosía do amor en palabras inmorredoiras.*

*Mais o modo en que se transmite esta mensaxe non fai alusión á procreación nin ao lazo matrimonial, nin é didáctico no sentido estrito, como pode ocorrer en Pr **2**, 16-19; **5**; **6**, 20-**7**, 27. Conténtase coa loanza da beleza e o encontro; conténtase con aceptar o amor humano en serio, como tensión á unidade total de dous seres persoais e apertura á natureza e ao cosmos. Neste sentido o amor profano (non profanado) constitúe a parábola do Deus amor, do que nos falará a primeira epístola de Xoán (**4**, 7. 8. 16) e será paradigma da entrega aos irmáns no «ágape» (amor de doazón) cristián (Ef **5**, 22-33).*

# O CÁNTICO DOS CÁNTICOS

## 1

[1]O mellor dos Cánticos, de Salomón.

### Limiar: bicos e agarimos

A AMADA

[2]Que me bique cun bico da súa boca!
Abofé, mellores son ca o viño os teus amores,
[3]mellores ca o recendo dos teus perfumes;
coma esencia que esvara é o teu nome,
ben é que te amen tanto as raparigas.
[4]Arrástrame contigo: Corramos!
Introdúzame o rei na súa alcoba.
Folguémonos en ti, ledas abondo,
loemos os teus amores máis ca o viño.
Que ben fan en te amaren!

### Moreniña e fermosa

[5]Morena eu son pero xeitosa
meniñas de Xerusalén
coma as tendas de Quedar,
coma as cortinas de Xalmah.
[6]Non reparedes en que son moreniña:
foi que o sol me queimou.
Fillos de miña nai anoxáronse comigo,
puxéronme de garda nas súas viñas,
e a miña, a miña viña, non a gardei.

### Bucólica

[7]Dime ti, meu ben amado,
onde apacentas?
Onde fas repousar o gando ao mediodía?
Para que hei andar sen rumbo
onda os rabaños dos teus amigos?

**1**, 1 O título "Cántico dos Cánticos" é un superlativo hebraico como "Santo dos Santos", "Señor dos Señores", "Rei de Reis". É, polo tanto, singular e non un plural de colección. Poderíase traducir "O mellor dos Cantares", ou "O celme das Cántigas", mostrando xa dun certo xeito a intención unitaria da escolma.

A atribución a Salomón, amais de ser un tópico sapiencial serodio, pode basearse no esforzo de procurarlle unha clave histórica ao libro.

**1**, 2-**2**, 7 A primeira sección remataría cos refráns **2**, 6-7. Vén encadrada por dous "cantos de arelas" (**1**, 2-4 e **2**, 5-6), nos que se repiten os temas da introdución na cámara do amado e do viño como símbolo de amor (**1**, 4 e **2**, 4). Pode que **1**, 2-4 teña por igual unha correspondencia en **8**, 1-2, que pecharía unha primeira escolma. Os temas do viño, a viña, o mundo vexetal e os aromas, congregan unha colleita de pequenas alfaias poéticas.

**1**, 2-4 Este pequeno "Canto de Arelas" vén delimitado polo contido: a espera e ledicia do encontro, que ben pode ser dunha esposa na festa nupcial. O *viño*, metáfora da intensidade do amor, atópase en toda a poesía semita. O *rei,* xa en Exipto é designación do noivo ou namorado, como tamén é o título que se lle dá ao esposo na semana das vodas. Aroma, viño, intimidade, *ti*, presentan o sentimento do respecto e o desexo da esposa como ser amado. Unha serie de sons encadeados (esencia e nome = "xemen" e "xem") e o carácter saltador, salientan o ámbito de ledicia.

**1**, 5-6 "Poema autodescritivo". A oposición entre a pel queimada no campo e a brancura vilega (sinal de distinción das mulleres da capital), esconde o coqueteo dunha Cinsenta cortesá, que, baixo o disfrace de xardineira, fai unha alegoría chea de alusións. A *viña* (coma o horto na poesía grega) é símbolo da virxindade ou da muller amada. Os irmáns gárdana por mor do dote que debe pagar o noivo. *Quedar* e *Xalmah* (non "Salomón", que é unha lectura posterior historificante) son dúas tribos árabes do deserto.

**1**, 7-8 Bucólica: "Xogo dialogal", apoiado na convención literaria do mundo pastoril.

CORO
8 Non o sabes ti, belida entre as mulleres?
Vai tras as pegadas das ovellas!
Pasta os teus cabuxos
onda as cabanas dos pastores!

**Egua de reis**

O AMADO
9 A unha egua de carros faraónicos
compárote eu, miña amada.
10 Que ben feitas as meixelas entre os pendentes,
e a gorxa entre os colares!
11 Farémosche colgantes de ouro puro,
coas doas prateadas!

**Aromas**

A AMADA
12 Mentres o rei se deita no diván,
ponse o meu nardo a recender.
13 Folequiño de mirra é para min o meu amigo,
repousa entre os meus peitos;
14 coma acio de fiafeira é para min o meu amigo,
das viñas de En-Guedí.

**Declaración na aurora**

O AMADO
15 Si que es belida, miña amada,
si que es belida!
Os teus ollos son pombiñas!

A AMADA
16 Si que es ti belido, meu amigo,
e ben garrido!
Frondoso é o noso leito,
17 de cedro ten as trabes a nosa casa,
de ciprés son os teitos.

**Lirio e maceira**

**2** 1 Eu son o narciso do Xarón,
unha azucena das valgadas.

O AMADO
2 Coma lirio de entre os toxos
tal é a miña amada entre as rapazas.

A AMADA
3 Coma a maceira entre as árbores da fraga
tal é o meu amigo entre os mozos.
Á súa sombra devezo por me sentar
pois é doce o seu froito ao meu padal.

**1**, 9 A sensibilidade occidental debe percibir a magnificencia e selección dun animal escolleito e ben adornado.
**1**, 13-14 A cosmética da bolsa de mirra, con que as mulleres perfumaban o seo, e a fiafeira ou ligustro (al-henna, en árabe), con que aínda hoxe se pintan mans e pés, vén resaltada pola súa calidade: *En-Guedí* ("fonte da cabuxa"), a actual Tell-ed-dexrum, tiña grande sona pola súa fertilidade.
**1**, 15 A pomba, ave da deusa do amor, metaforiza a viveza dos ollos, se non é que fai alusión á maquillaxe de "ollo de pomba" á moda exipcia.
**2**, 1 Contrapóñense "flor única" e "árbore única". *Xarón* é a terra chá que decorre de Iafa ao Carmelo, ao longo da costa.

**Doenza de amor**

4Meteume el na cámara do viño
e a súa bandeira para min chámase amor.
5Sostédeme con tortiñas de uvas pasas,
confortádeme con mazás,
que coitada vou de amor!

6*Puxo a súa esquerda baixo a miña cabeza,*
*coa súa dereita unha aperta me está a dar.*

O AMADO
7*Conxúrovos, meniñas de Xerusalén,*
*polas gacelas ou as cervas montesías,*
*non espertedes nin desveledes o amor,*
*ata que el queira!*

**O amado ás portas**

A AMADA
8Escoitade! É o meu amigo! Aí o vén!
Choutando polos montes, brincando por outeiros!
9Semella o meu amigo unha gacela
ou un cerviño novo.
Velaí que parou tras o noso muro,
albisca polas fiestras,
axexa polas reixas!

**Aí vén o maio**

10Faloume o meu amigo; así dicía:
"Érguete, amada miña,
fermosa miña, ven xa!
11Xa fuxiu o inverno,
foron pasando as chuvias,
12floriñas asomaron na campía,
vén o tempo das ruadas,
os arrolos da rula resoan nos nosos campos;
13o figueiral ten gromos,
as vides botan flores recendentes.
Érguete e ven, amada,
fermosa miña, ven xa!

**Pomba escondida**

14Miña pomba, nas fendas dos penedos,
nos recantos das rochas,
faime ver a túa figura,

**2**, 4-5 "Canto de arelas". A doenza de amor e a súa curación con bebedizos e maxia eran correntes en todo o Crecente Fértil, particularmente en Exipto. O vocábulo que traducimos por "bandeira", pode tamén indicar un letreiro de tenda ou un colgante na casa onde se celebra un banquete. As tortas de uvas pasas teñen que ver co culto dos ritos cananeos da fertilidade (cf Xer **7**, 18; Os **3**, 1).
**2**, 6-7 Estes dous refráns que se repiten, como piar contraposto, ao remate do Cántico (**8**, 3-4), amais de facer de encadro á escolma, confírenlle o seu sentido profundo. O realce da posesión mutua no v. 6 dálle a toda a escolma un carácter dialogal e unitivo. O conxuro do v. 7 salienta a liberdade de amor. No xuramento as palabras orixinais *gacelas, cervas* (animais de Ixtar, deusa do amor) xogan, pola súa sonoridade semellante, co nome de "El Sebaot" (Deus dos exércitos), prestando seriedade e solemnidade ao motivo poético.
**2**, 8-9 O "Canto da porta" ten na poesía antiga unha chea de variantes. A tradución tenta respectar o valor intenso dos verbos orixinais coa rápida sucesión da escoita, a certeza, a ledicia. O vocabulario é serodio, mais a prosodia é antiga.
**2**, 10-13 A chegada da primavera inspira un "Canto de invitación", auténtica xoia da literatura universal. O que en traducións pasadas se interpretaba como "tempo da poda" (v. 12), é mellor entendelo como tempo de cantos co acompañamento de instrumentos; a poda, de feito, faise en Israel dous meses antes da primavera.

faime oír o teu falar,
que é doce esa voz túa,
e o teu xeito, lanzal!

**Raposiñas**

CORO
15 Aferrádenos as raposas,
as raposas pequeniñas
que nos estragan as viñas,
as nosas viñas a agromar!

A AMADA
16 *Para min é o meu amigo e eu son para el*
*que pasta nos lirios.*
17 *Ata que sopre o día*
*e fuxan as sombras*
*volve, meu amigo,*
*aseméllate á gacela*
*ou ao cervo noviño*
*nos montes de Beter.*

**Soño**

**3** 1 Sobre o leito, de noite,
busquei a quen ben quería.
Busqueino e non o atopei.
2 Heime erguer e roldar a vila,
polas rúas, polas prazas,
buscar hei a quen ben quería!
Busqueino e non o atopei!
3 Encontráronme a min os gardas,
os que roldan a vila:
Vistes a quen ben quería?
4 Apenas eu os deixara
e encontrei a quen ben quería;
aferrei nel, non o ceibo,
ata o meter na casa de miña nai,
na cámara na que me xerou.

O AMADO
5 *Conxúrovos, meniñas de Xerusalén,*
*polas gacelas ou cervas montesías,*
*non espertedes nin desveledes o amor*
*ata que el queira!*

**Cortexo de príncipes**

CORO
6 Que é aquilo que sobe da estepa
coma columnas de fume,
recendendo a mirra e mais a incenso
e a canta especia teña o mercador?

**2**, 16-17 O primeiro dos refráns, repetido en postos claves (**6**, 3; **7**, 11), ten a forma contractual dun compromiso ou pacto. Equivale a un xuramento de amor e podería transmitir unha antiga fórmula matrimonial. No contexto poético ilustra o goce da posesión. *Beter*, lugar non localizado, pode ter o valor dunha "arcadia felix", como o tiña a suposta terra de Punt na poesía exipcia.

**3**, 1-4 O leitmotiv *a quen ben quería* (á letra: «a quen ama a miña alma») dá periodicidade ao poema, enmarcando o seu progreso psicolóxico: desexo-busca arelante-falso encontro-desexo. Percorrer a cidade de noite estaba severamente prohibido ás mulleres (2 Mac **3**, 19; Eclo **7**, 24; **42**, 9-14): ilústrase deste xeito o amor da muller como don total, non calculador; todo o seu "néfex" (espírito vital) é "ahabah" (amor), neste canto.

A AMADA
7É a liteira de Salomón!
Sesenta homes garridos a rodean
de entre os cabaleiros de Israel;
8todos eles levan a man na espada,
veteranos de loitas;
portan cadansúa espada xunto á coxa
contra as alarmas da noite.

**O trono de Salomón**

9Fíxose o rei Salomón un palanquín
de madeiras do Líbano.
10De prata fixo as columnas,
e o seu respaldo é de ouro;
de púrpura o asento,
incrustado en almafí.

CORO
11Meniñas de Xerusalén, saíde!
Vinde ver, nenas de Sión,
o rei Salomón coa coroa
con que súa nai o coroou
no día das súas vodas,
día de folgar de corazón!

**Corpo xeitoso**

O AMADO
**4** 1Si que es belida, miña amada,
si que es belida!
Os teus ollos son pombiñas
por entre o teu veo.
Os teus cabelos, un fato de cabuxas
que baixan serpeando do monte Galaad;
2os teus dentes, grea de ovellas tosquiadas
subindo de se lavar,
todas elas preñadas de xemelgos
e ningunha hai maniña.
3Cal fita carmesí son os teus labios,
é doce a túa fala;
metades de milgranda as túas meixelas
por entre o teu veo.
4Atalaia davídica é o teu pescozo,
ben fornecida de ameas;
mil escudos van dela pendurados,
todas as adargas dos guerreiros.
5Os teus dous peitos son coma dúas crías
xemelgas de gacela,
a pastar nos lirios.

**3**, 6-8 *A liteira* é o asento baleiro no que ha ser levada a noiva rodeada dos amigos del.

**4**, 1-7 Temos aquí o primeiro exemplo de "Wasf" ou "Canto do corpo". Seguirán outros dous respecto da noiva (**6**, 5c-7; **7**, 2-6) e un, insólito, do noivo (**5**, 9-16). Na estética oriental non contaba o figurativo, senón a sensación ou experiencia estimulada pola imaxe comparada. Isto débese ter moi en conta, para non andar á procura de imposibles correspondencias.

*Veo* (v. 1) pode ser tamén un trenzado de pelo. A imaxe corresponde ao ondear das liñas mouras sobre o branco nas quebradas que caen da meseta de alén do Xordán ata o río. Amais da imaxe da igualdade e perfección, o v. 2 introduce o sentimento, grato ao nómade, da fecundidade.

[6]Ata que sopre o día
e fuxan as sombras
hei subir ao monte da mirra,
ata o cume do incenso.
[7]Toda ti es belida, miña amada,
non hai en ti lixo ningún.

**Ven xa!**

[8]Ven do Líbano, noiva!
Ven do Líbano, baixa!
Deixa o cumio do Amanah,
o cimo do Senir e mais o Hermón,
as covas dos leóns,
o monte das panteras!

**Meigallo**

[9]Botáchesme o meigallo, cariño, miña noiva!
Botáchesme o meigallo,
cunha das túas olladas,
cunha das xoias que levas na gorxa!

**Mel e favo**

[10]Que belos os teus amores, cariño, miña noiva!
Canto mellores ca o viño son os teus amores,
e a túa fragrancia ca todos os aromas!
[11]Un favo a destilar son os teus labios, noiva!
Mel e mais leite hai baixo a túa lingua!
O recendo da túa túnica é recendo do Líbano!

**Epigrama admirativo**

[12]Es ti un horto pechado, cariño, miña noiva.
Es ti un horto pechado, unha fonte selada.

**Recendo do paraíso**

[13]A túa ramaxe é un paraíso de milgrandas,
cheo de froitos exquisitos.
[14]Azafrán, canela e cinamomo,
toda madeira de gorentoso fume.
O nardo, a mirra, o áloe,
coas mellores matas de bálsamo.

[15]Fonte do meu xardín,
manancial de augas vivas
que flúen desde o Líbano!

**4**, 8 Fragmento dun "Canto de invitación". "Kalah" pode ser a noiva ou prometida (Éx **22**, 15-16; Dt **20**, 7). *O Amanah* é unha derivación do Antilíbano, que leva ríos a Damasco. *Senir* era o nome amonita do monte Hermón.

**4**, 9 "Canto admirativo". Traducimos "cariño" o vocábulo "irmá", que na linguaxe coloquial dos namorados tiña color agarimosa como "miña pequena, miña nena". O que vai traducido "ollada", "ollo", é mais ben o vocábulo que fai referencia a unha xoia composta por unha pedra preciosa única. No contexto, podería ser unha caste de amuleto, sexa para producir influxo amoroso, sexa para curar do mal de amores.

**4**, 10-11 *Mel e favo*. "Canto admirativo" próximo ao "Wasf", pero co centro non na descrición, senón no suxerinte dun ámbito erótico. A sonoridade orixinal (v. 11a: "nófet tittófnah siftot"), a imitar o doce pingar do mel, é dun grande refinamento artístico. A noiva é mel e leite: a terra prometida.

**4**, 12 Gabanza da virxindade (xardín e fonte). Trátase dun xardín ou horto de froiteiras, cinguido de sebes e pechado cunha cancela axustada con cordas ou correas.

**4**, 13-14 "Alegoría culterana", baseada na ciencia sapiencial das listas. Do xardín (=virxe), pásase ao xardín marabilloso dun mundo utópico. A amada é un "Pardés", un paraíso, un Edén. No v. 14 reconstruímos a serie confusa do texto, pola máis lóxica de flores (azafrán e nardo), matas (canela e mirra) e cascas (cinamomo e áloe).

**4**, 15 *Fonte e manancial*, son tópicos e mesmo símbolo xeroglífico da muller en Exipto.

A AMADA
16 Ergue, vento nordesío!
Ven ti, vento galopante!
Venteade o meu xardín:
que espalle os seus aromas!

**Meu xardín, teu xardín**

Que veña o meu amigo ao seu xardín,
que coma daquel froito que cobiza!

**5** O AMADO
1 Xa veño para o meu horto, cariño, miña noiva;
collín xa a miña mirra e o meu bálsamo,
comín xa do meu panal e do meu mel,
bebín xa do meu viño e do meu leite.

CORO
Comede, pois, amigos, e bebede
ata embebedarvos de agarimos!

**Atopar e perder**

A AMADA
2 Estaba eu a durmir, pero o meu corazón en vela,
cando chama petando o meu amigo.
–Ábreme, meu cariño, miña amada,
miña pomba, todo o meu ben!
Porque teño a cabeza toda enchoupada de orballo,
de pingotiñas da noite os meus rizos.
3 –Espinme xa da túnica, heime vestir de novo?
Lavei xa os meus pés, habíaos de lixar?
4 Pasou o meu amigo a man polo poxigo
e en min tremeron as entrañas.
5 Erguinme para lle abrir ao meu amigo,
pois fuxíame a alma ao seu falar;
as miñas mans destilaban coma mirra,
os meus dedos eran mirra refinada
sobre o pasador da pechadura.
6 Abrinlle ao meu amigo,
pero o meu amigo partira, xa pasara.
Busqueino e non o atopei;
chameino e non respondeu.
7 Atopáronme os gardas que roldan a vila;
batéronme e feríronme;
arrincáronme o dengue
os gardas das murallas.
8 *Conxúrovos, meniñas de Xerusalén*
se é que atopades o meu amigo,
que lle habedes dicir, se non
que coitada vou de amor?

**4**, 16-**5**, 1 *Meu xardín-teu xardín*. “Dueto de estímulo”, que vai da arela da entrega con todo o suxerir de aromas, ata o gozo da posesión. A amada segue sendo o Edén ao que se “vén” ou “entra” (con toda a connotación deste verbo en hebreo: cf Xén **16**, 2; **30**, 3).
**5**, 2-7 *A túnica* da que se fala é o “kuttónet”, peza interior empregada como camisa de noite. No v. 7 fálase do “redid”, vestimenta fina de muller, que pode ser un veo ou ben un mantón para encubrir os ombreiros; no Cántico non aparece a “ximlah”, o manto externo semellante a unha toga. O feito de que os gardas lle tollan o “redid”, vestido de luxo, ten que ver coa prohibición de iren cubertas, que tiñan as meretrices; a noiva soa polas rúas, de noite, é confundida polos gardas.

**Mozo garrido**

CORO
[9]Que caste de amigo é o teu,
belida entre as mulleres?
Que caste de amigo é o teu
para así nos conxurares?

A AMADA
[10]É o meu amigo resplandecente e louro,
escolleito entre milleiros.
[11]A súa cabeza é de pan de ouro fino,
son acios de palmeira os seus cabelos
e mouros coma o corvo.
[12]Ten ollos coma pombas
das fontes dos regatos,
que bañadas no leite
repousan á beira dun estanque.
[13]As súas meixelas son matas de bálsamo
onde medran as especias;
os seus labios son lirios
a destilar mirra fina.
[14]As súas mans, torques de ouro
engastados con xoias de Tárxix;
o seu ventre, unha placa de marfil
recuberta con zafiros.
[15]Son as súas pernas dous esteos de mármore
afincados sobre bases de ouro.
Ten o aspecto do Líbano
e é lanzal coma os cedros,
[16]e o seu bicar, tan doce.
Todo el é de anhelar!
Tal é o meu amigo,
tal o meu compañeiro,
meniñas de Xerusalén.

**Xardineiro e pastor**

CORO
**6** [1]Para onde foi o teu amigo,
belida entre as mulleres?
Cara a onde volveu o teu amigo
e contigo o iremos buscar?

A AMADA
[2]Baixou o meu amigo ao seu horto,
vai nas matas do bálsamo;
foi pastar no xardín
e facer a colleita de lirios.

[3]*Eu son do meu amigo*
*e o meu amigo é meu,*
*que pasta nos lirios*.

**5**, 9-16 "Wasf" dedicado ao noivo. As cores *resplandecente e louro* (v. 10) non son cores naturais, senón máis ben artísticas. *Pombas e leite* (no v. 12) amosan abundancia. A verba "padal" (v. 16) é unha metonimia por "bico", non por "fala": traducimos, xa que logo, "bicar".

**6**, 1-2 Canto alegórico. *Pastar no xardín* é eufemismo da realización do amor xa en toda a poesía exipcia máis antiga.
**6**, 3 O refrán solemne do compromiso e a doazón pechan esta longa e rica sección central, co seu selo de mensaxe preñada de sentido.

**Medo**

O AMADO
4Fermosa es ti, miña amada, coma Tirsah,
xentil coma Xerusalén,
terrible cal batallón, pendóns ao vento.
5Torna os ollos de min
que me fan arrepiar!
Os teus cabelos son fato de cabuxas
que baixan serpeando do Galaad.
6Os teus dentes, grea de ovellas nais
subindo do lavado,
todas elas preñadas de xemelgos,
e ningunha hai maniña.
7Rebandas de milgranda son as túas meixelas
por entre o teu veo.

**Fachenda**

8Se son sesenta as raíñas,
oitenta as favoritas
e sen conta as doncelas,
9só unha é a miña pomba,
a máis perfecta,
a única de súa nai,
preferida daquela que a xerou.
Vírona as donceliñas, e gabárona,
as raíñas e favoritas, e loárona.

CORO
10Quen é esta que está a xurdir coma a alborada,
fermosa coma a lúa chea,
a brillar coma o sol,
terrible cal batallón, pendóns ao vento?

A AMADA
11Ao nogueiral baixei
ver xermolar as palmas,
ollar se agroma a vide
e florecen as milgrandas.
12Non sei o que me pasa
pois que me puxo a tremer
ela, a filla de xentes nobres.

**Danza da Xulamita**

**7** CORO
1Vira, vira, Xulamita!
Vira, vira, que te estamos a ollar!
Que estades a ollar para a Xulamita
cando se pon a bailar na regueifa?

**6**, 4-5b Un "Canto de asombro". "Déguel" (= unha insignia, pendón, bandeira), pasou a significar a tropa congregada baixo ela. *Tirsah* foi a capital do reino de Israel desde Ieroboam I a Menahem (cf 1 Re **14**, 17).
**6**, 5c-7 Fragmento de "Wasf", tomado de **4**, 1-3, ou variante.
**6**, 8-9 "Canto fachendoso" ou de reto. O noivo, na voda paisana, gábase da súa noiva, contraposta ao harén prototípico, o de Salomón (1 Re **11**, 3). Ela convértese na "escolleita", preferida, única (v. 9d).
**6**, 10-12 Fragmentos independentes. O v. **6**, 12 é o máis difícil do Cántico, na súa interpretación: traducimos a primeira parte ("non coñezo a miña alma") como xiro idiomático; o v. 12b, ao pé da letra "púxome carros de Amminadib", non ten sentido. O máis doado é recompor as consoantes e traducir "filla dun nobre pobo" ou "de xentes nobres", ou ben "de boa caste".

O AMADO
[2]Que xeitoso o teu puntear nas sandalias,
filla de nobre!
As curvas dos teus cadrís son coma aneis,
feitura de man de artista.
[3]O teu embigo, unha cunca en media lúa,
non terá falta de licor.
O teu ventre é monllo de trigo
cinguido de lirios.
[4]Os teus peitos son coma dúas crías
xemelgas de gacela.
[5]O teu pescozo, cal torre de almafí.
Os teus ollos, estanques de Hexbón
xunto á porta de Bat-Rabim.
É o teu perfil coma a torre do Líbano
que vixía Damasco.
[6]Tes ergueita a cabeza coma o Carmelo;
son as túas trenzas da color da púrpura.
Un rei prenderíase nos teus rizos!

**Palmeira**

[7]Que belida ti es, que agarimosa,
meu amor apaixonado!
[8]O teu van seméllase á palmeira
e os teus peitos aos acios.
[9]E dixen eu: Subir hei á palmeira
e coller hei os dátiles!
Serán para min os teus peitos coma acios de vide,
e o teu alento, un aroma de mazás.
[10]O teu bicar é un viño xeneroso
que corre dereitiño
esvarando por labios e por dentes.

A AMADA
[11]*Eu son do meu amigo*
*e de min a súa arela!*

**Don na aberta campía**

[12]Ven, meu amigo, e saiamos para o campo;
pasaremos a noite nos lugares,
[13]e nas viñas habemos de espertar;
veremos se xa xermola a vide,
se xa agroman as flores
e están a abrochar as romaceiras;
alí hei darche os meus agarimos.

**7**, 1-6 *Xulamita*, ponnos no terreo do disfrace real ("unha Salomona"), ou ben é alcume agarimoso. No v. 1 fálase dunha "danza dos dous exércitos ", que se debe interpretar de dúas ringleiras. É unha danza de réplica, contradanza. Despois da loanza do noivo, os comensais da parte da noiva gaban a súa beleza. No mundo árabe de hoxe en día faise esta réplica, ao tempo que a noiva baila a "danza do sabre" (antiga "danza do veo" no mundo cortesán).
O v. 3a pode ser un eufemismo, pois rompe o movemento ascendente da descrición.

**7**, 11 Este v. pecha a sección coa derradeira aparición do refrán de compromiso, intensificado co vocábulo "arela" ou "devezo", que trae á mente Xén **3**, 16, segunda e última vez que aparece na Biblia no contexto da tendencia irrefreable do amor; dise aquí, sen embargo, do home, e non da muller.
**7**, 12-13 "Canto de invitación", incluíndo imaxes da primavera e o propósito da doazón. A invitación corresponde agora á noiva.

14 As mandrágoras dan a súa fragrancia;
hai xunto ás nosas portas mil froitos cobizosos,
dos novos e dos secos,
que eu reservei, amigo, para ti.

**Se foses meu irmán**

**8** 1 Quen te me dera coma irmán,
criado aos peitos de miña nai!
Se te atopase na rúa,
poderíache dar un bico
e ninguén me aldraxaría.
2 Traerte había eu e meterte
na casa da que me criou.
Daríache a beber un viño mesturado,
o doce mosto das miñas milgrandas.

3 *Puxo a súa esquerda baixo a miña cabeza,*
*coa súa dereita unha aperta me está a dar*.

O AMADO
4 *Conxúrovos, meniñas de Xerusalén,*
*non espertedes nin desveledes o Amor*
*ata que el queira!*

CORO
5 Quen é esta que sobe da estepa
do brazo xa do seu amigo?

O AMADO
Baixo a maceira esperteite,
onde túa nai te deu a luz,
onde por ti sufriu quen te xerou.

A AMADA
6 Márcame coma un selo no corazón,
coma un selo no teu brazo!
Pois é rexo coma a morte o Amor,
duros coma o xeol son os celos;
son os seus lóstregos coruscar de lume,
divina labarada.
7 Mil corgas non o poden amatar
nin alagalo a riada.
Se alguén quixese dar
todo o haber da súa casa en pago do Amor,
ben sería escarnecido.

**7**, 14 O verbo "dar" atrae un pequeno fragmento coa mención do froito da *mandrágora*, valorada daquela coma afrodisíaco (cf Xén **30**, 14).
**8**, 1-2 Unha "fórmula de desexo" introduce o "Canto de arela", que se corresponde nos temas dos "bicos-introdución-viño" co poema inicial (**1**, 2-4) e co de **2**, 4-5. No fondo da descrición dunha cita, xorde de novo, como central, o devezo da muller polo seu amado. A ética sexual israelita, moi mirada no terreo dos costumes exteriores e do figurativo, era máis libre e natural na expresión verbal.
**8**, 3-4 De novo, e como remate, os refráns da consumación na pertenza mutua e a liberdade de amor.
**8**, 5-14 Todos os comentaristas actuais están de acordo na impresión de fragmentación e na desconexión temática e mesmo na ausencia das palabras-vínculo nestes poemas.
**8**, 6-7 *O selo* ou "cuño", garantía da pertenza dun obxecto ao seu dono, tiña unha relevancia inxente na antigüidade. Portábase pendurado do pescozo ou coma pulseira; era unha presenza constante. Ao remate deste verso, xorde por única vez no libro o nome de Iavé, mais non nun uso relixioso, senón como superlativo.
As forzas do caos non poden contra o amor. Esa forza divina non é negociable; é o máis valioso tesouro. Parece que estamos a escoitar a loanza da "ágape" cristiá en Rm **8**, 35 ss. Está en realidade tan lonxe?

CORO
[8]Temos unha irmanciña que aínda non ten peitos:
Que faremos nós da nosa irmá
o día en que a veñan pretender?
[9]Se é coma unha muralla,
sobre ela construiremos un amear de prata;
se é coma unha porta,
contra ela afincaremos un taboado de cedro.

A AMADA
[10]Son eu unha muralla, son torres os meus peitos,
e fixenme aos seus ollos coma a que porta a paz.

CORO
[11]Salomón tivera unha viña en Baal-Hamón
e cedeuna aos parceiros,
que lle han render polo froito
ata mil siclos de prata.

A AMADA
[12]O que é a miña viña, sérveme só a min!
Para ti os miles, Salomón,
e dálles aínda douscentos aos que che gardan as rendas!

O AMADO
[13]Ti, a que moras nos hortos,
os compañeiros están a escoitarte!
Faime sentir a túa voz!

A AMADA
[14]*Fuxe, meu amigo, e aseméllate*
*á gacela ou ao cervo noviño*
*polos montes de bálsamo!*

**8**, 8-10 A *porta*, a *muralla*, a *paz*, compoñen un diálogo ou unha "autodescrición" con cita implícita, na que o punto vén de novo trasposto, do terreo comercial (dote e negociación dos irmáns) ao persoal: "o Xalom", acougo e paz, que son os que contan.
**8**, 11-12 A palabra "Xalom" (paz) puido atraer a de "Xelomoh" (=Salomón), para facer introducir este "Canto fachendoso" do noivo que loa á súa única, como xa o fixera o poema de **6**, 8-9, do que pode ser continuación.
**8**, 13 Fragmento incompleto do motivo "xardineira".
**8**, 14 Repetición variante do refrán xa aparecido en **2**, 17b. Distínguese no emprego do vocábulo *fuxe*, que debeu parecer axeitado como remate da escolma.

# INTRODUCIÓN AO LIBRO DA SABEDORÍA DE SALOMÓN

## 1. A Diáspora xudía no mundo helenista

*Entre os dous testamentos preséntase o derradeiro libro sapiencial. Xa non se trata nel dunha mera recolección de ditos e refráns, nin dun tratadiño de costumes ao modo das instrucións tradicionais. A intención e o tema sapiencial preséntanse aquí insertos nun estilo apoloxético e propagandístico, case misioneiro, típico dunha época e dunha situación.*

*A emigración xudía ao norte de Exipto acadou nos séculos II e I a. C. unha sobranceira intensidade. Barrios xudeus de cidades como Alexandría creceron ata constituír unha camada determinante e moi peculiar na mestura de razas e culturas que constituía a poboación do imperio dos Láxidas, herdeiros de Alexandre. A relativa autonomía municipal dos asentamentos nos arrabaldes, e a organización dos ghettos nos eidos xudiciais, fiscais e relixiosos, cunha "Guerusía" (concello de anciáns) á cabeza, non impediron así e todo a penetración das ideas e costumes cosmopolitas do mundo helenístico. A actitude conservadora e pechada, e a calada laboriosidade dos xudeus, deron pé, baixo os reinados de dous Ptolomeos, Alexandre e Dioniso (106-52 a. C.), a unha chea de sublevacións e ás conseguintes persecucións da parte exipcia en contra dos incómodos intrusos; nesas persecucións tiveron non pequena parte os apóstatas da fe de Israel, pasados por oportunismo a postos administrativos dos monarcas. Mais a meirande ameaza de crise para as pequenas comunidades non proviña deses Progroms ocasionais, senón máis ben da infiltración calada das ideas novas dunha cultura aparentemente superior: o helenismo.*

## 2. Un libro de fe e literatura hebreas no medio ambiente helenista

*O helenismo, coa súa visión universal e internacionalista do home, co seu pulo académico, sentido sobre todo a rentes dunha cidade do prestixio de Alexandría, e a sona e espallamento dos pensamentos dos grandes filósofos gregos, acaneaba os fundamentos ideolóxicos da comunidade, exercendo unha intensa atracción sobre todo na mocidade hebrea.*

*Cómpre localizar o presente libro arredor deses anos de fonda conmoción e non se atopan motivos congruentes para facer baixar a data de composición, tal e como algúns propuxeron, ata a primeira metade do século I d. C. O grego empregado na redacción orixinal reflicte en numerosos pasos o influxo da tradución dos LXX, en uso desde o 150 a. C., e ademais non se percibe influxo do intento da transposición ás categorías filosóficas dos grandes temas bíblicos tal como se atopa na obra do famoso pensador xudeu-helénico Filón. De vivir no seu tempo, o autor da "Sabedoría" non sería alleo, xa en canto adherente xa como detractor, ao seu engado. En troques, se ben o seu grego é pulido, deixa transparentar nos paralelismos, polisíndeto e cadencias rítmicas, a proximidade á lectura hebrea.*

*O autor debeu ser persoa de amplos coñecementos nos diferentes eidos do saber do seu tempo (filosofía, ciencias, artes, etc...) e non lle foron estraños os entretementos helénicos tales coma o teatro e os xogos atléticos (cf **4**, 2; **10**, 12). O que lle preocupaba, non obstante, eran as concepcións da relixión e da vida presentes na nova sociedade, como o testemuñan os seus ataques ao epicureísmo, os contactos co vocabulario dos estoicos, a psicoloxía de raigaño platónico. Do mundo cosmopolita da súa cidade recolle a observación admirada polos traballos artesanais ou a das empresas de navegacións, e rexeita os usos degradantes da zoolatría e dos misterios orxiásticos.*

## 3. Finalidade do Libro da Sabedoría

*Nese contexto a finalidade do seu escrito aparece clara, como un esforzo por confirmar a fe da comunidade hebrea contrastando a Sabedoría de Israel e o seu contido transcendente cos excesos das opresións e degradacións presentes na civilización dos Ptolomeos. A Sabedoría, convertida xa en dimensión relixiosa, fundamenta nos planos teórico e práctico a opción israelita de vida e a súa actitude perante Deus, o home e o mundo.*

## 4. A cuestión do autor da obra

*O libro leva no orixinal o título "Sabedoría de Salomón", co que se fai alusión aos cc. **7-9**, nos que o autor emprega a prosopopea do Rei Sabio co obxecto de prestixiar e avalar o libro. O procedemento era, naquel*

*tempo, un inocente recurso literario co que se intentaba unha meirande eficacia e atractivo da obra, artificio pseudonímico xa de antigo moi usado na mesma Biblia (cf Pr* ***1****, 1;* ***25****, 1; Ecl* ***1****,1; Ct* ***1****, 1).*

*A ampulosidade retórica da que fai gala, non nos ten que desviar ata considerar a obra como froito dunha literatura decadente, pero tampouco non debe dar pé para facer de frases tópicas (o destino das recomendacións a supostos "gobernantes") a clave de interpretación coa que recuperalo para unha certa "modernidade" política. O libro ten a súa mensaxe de seu, que cumprirá traducir á nosa cultura sen forzar as súas propias palabras. Ademais, o que para nós podería parecer artificio era para el técnica a fin de acadar claridade de exposición. As constantes concatenacións a base de palabras-vínculo, inclusións, estruturas concéntricas, son os medios de que dispón para subliñar un motivo, delimitar os parágrafos, cambiar de forma e xénero. O descoñecemento desta técnica por parte dos comentadores tradicionais fai que moitas veces as divisións propostas para o libro se guíen por criterios subxectivos segundo se capta este ou aquel tema.*

## 5. Xéneros empregados e estrutura do libro

5.1. Xéneros

*O descubrimento da arte de composición, tamén presente na diatriba grega e nalgún dos libros bíblicos, fai procurar neses sinais estruturais o artellamento dos capítulos e das seccións. En tanto non se chegue a un consenso nesta nova xeira, propoñemos a seguinte división en canto a xéneros empregados na obra: A) Unha imprecación pública a xeito de diatriba, na que se desenvolven teoricamente os efectos e a natureza da Sabedoría (***1****, 1-****11****, 1). B) Unha homilía en forma midráxica (a edificación era o obxectivo primordial da exposición parafrástica dun texto bíblico, coñecida como Midrax) sobre o Éxodo (****11****, 2-****19****, 22). Xéneros menores son: As loanzas da Sabedoría (cf* ***6****, 12-16), as listas (de calidades da Sabedoría: 7, 22ss; do "currículo" académico: 7, 17-20), as oracións (****9****), etc.*

5.2. Estrutura do libro

*De acordo con eses xéneros articúlanse os grandes capítulos da obra segundo o criterio temático:*

I. *Loor da Sabedoría de Israel (****1****, 1-****11****, 1); coas seguintes seccións:*

a. *A Sabedoría e o premio da inmortalidade que comporta (****1****,1-****6****, 21);*

b. *A esencia desa Sabedoría (****6****, 2-****11****, 1).*

II. *A Sabia guía de Deus co seu pobo (****11****, 2-****19****, 22), dividida en tres partes:*

a. *Introdución (****11****, 2-4); Tese (****11****, 5);*

b. *Desenvolvemento (****11****, 6-****19****, 22);*

c. *Ensarillada, con digresións máis ou menos longas: a máis importante, sobre idolatría (****13****, 1-****15****, 17), que glosa de lonxe Is* ***40-44****.*

*Así como é un libro que alude ou cita tacitamente escritos anteriores (Is, Pr, Ecl), a Sabedoría de Salomón semella vir citada ou empregada en frecuentes pasaxes do N. T. (Rm* ***1****, 18-32;* ***9****, 9-13; 2 Cor* ***5****, 4; Ef* ***6****, 11-17; Heb* ***1****, 2-3; 1 Pe* ***1****, 6-7) e sobre de todo en Xoán. De feito o Logos xoáneo non está lonxe da Sabedoría, atributo de Deus do presente libro.*

## 6. Canonicidade

*A súa orixe grega e o carácter alleo á mentalidade hebrea palestina, fixeron que, se ben fora incluído no Canon Alexandrino, non o fose no Canon Palestino. As Igrexas cristiás empregárono sempre para a edificación dos fieis, sendo san Xerome un dos que ergueron dúbidas de validez ao seu propósito, polo que entrou a formar parte dos chamados deuterocanónicos. O seu rexeitamento por parte das confesións da reforma protestante que o enumeraron entre os libros apócrifos, motivou a decisión do Concilio de Trento de confirmalo no seu carácter canónico. Hoxe en día, despois dun longo silencio dos esexetas, torna a acadar a valía que lle compete pola súa introdución dun concepto novo de retribución individual, as súas ideas peculiares de mesianismo, e a adopción da terminoloxía relixiosa que abriu a vía á linguaxe na que se habían de formular varios documentos neotestamentarios.*

# SABEDORÍA DE SALOMÓN

## I. LOANZA DA SABEDORÍA

### Procurar a sabedoría. Xustiza e sabedoría

**1** [1]Amade a xustiza
os que gobernades o país,
tede do Señor un bo concepto
e procurádeo cun corazón sinxelo,
[2]que se deixa El atopar
polos que non o tentan
e revélase aos que del non desconfían.
[3]Argumentos revirados
son os que afastan de Deus;
mais o seu poder,
posto a proba, acusa aos insensatos,
[4]pois non entra a sabedoría
nunha alma retorcida
nin mora nun corpo suxeito ao pecado.
[5]O santo espírito foxe
da educación ficticia,
afinca lonxe das matinacións necias
e, sobrevindo a inxustiza, é refugado.

### O Señor castiga a lingua impía

[6]En verdade a sabedoría
é un espírito benévolo co home;
mais non deixará impune
ao blasfemo laretas,
porque Deus é testemuña
das súas entrañas,
controlador veraz do seu corazón
e oidor da súa lingua,
[7]dado que o espírito do Señor
enche o mundo
e quen mantén unido o universo
sabe canto se di.
[8]Por iso quen fala de xeito impío
non poderá ocultarse
nin o pasará de longo a Vinganza
sen acusalo.
[9]Farase pescuda
das matinacións do impío,
a sona das súas verbas
chegará ata o Señor
para acusación dos seus delitos,
[10]pois un oído celoso escoita todo,
nin sequera se lle oculta
o rumor das murmuracións.
[11]Gardádevos, logo,
da murmuración inútil
e preservade a lingua da maledicencia,
pois o dito máis secreto
non se profire en balde
e a boca mentireira mata a alma.
[12]Non provoquedes a morte
coa vosa vida extraviada
nin vos carrexedes a ruína
coas obras das vosas mans
[13]porque non fixo Deus a morte

**1**, 1-**11**, 1 Loanza da sabedoría.
A primeira parte do libro vai unitariamente composta por unha peza de estilo supostamente oratorio e requintada construción, que difire radicalmente do resto da obra, de feitío homilético. Isto levou a algúns comentadores a postular dous autores ou dúas mans na composición do libro. Non ten por que ser así, e a coherencia de expresións e vocabulario argumenta a prol da unidade de orixe. Por vez primeira no ámbito sapiencial xorde a afirmación dunha vida futura para o espírito humano a carón de Deus, nunha reflexión que, en contra das aparencias de linguaxe, emprestada dos filósofos gregos, non parte da elucubración sobre a natureza humana, senón, biblicamente, do pensamento da fidelidade de Deus co xusto. A sabedoría ensina sobre todo a xustiza, e non é un ideal puramente humano, senón un don, unha enerxía no ser humano, que vén directamente do Espírito de Deus, ao que en moitos pasos substitúe no vocabulario. Sacralización da ciencia, ou secularización da revelación? O que o sabio israelita fai, glosando textos sagrados con palabras tiradas do concepto estoico de "alma do mundo" ou dos catálogos das virtudes platonizantes, é referir toda a realidade a un único sentido descuberto no fondón da vida pola fe.
Esta primeira parte distribúese en dúas seccións: o chamado "Libro escatolóxico" ou "Apocalíptica sapiencial" (**1**, 1-**6**, 21); e a presentación da sabedoría total (**6**, 22-**11**, 1). Ambas seccións amosan a súa estrutura nunha complexa disposición de inclusións a base de palabras-clave e campos verbais.

**1**, 1 O amor, o bo concepto, a procura, sinalan outros tantos pasos psicolóxicos de aproximación a unha actitude vital, *a xustiza*, que se debe entender como vida virtuosa, condición (v. 4) e efecto (v. 5) da sabedoría. Poderiámola verter como rectitude no pensar e no facer (cf **8**, 7).
**1**, 3-5 En contraposición á xustiza como actitude sitúanse os *argumentos* (v. 3) e as *matinacións* torcidas (v. 5). Isto supón a disposición crítica de grupos xudeus que dubidan da providencia do Deus de Israel, ou ben se ensarillan en discusións filosóficas, co que veñen a afastarse de Deus (v. 3a), poñen probas ao "Poder" (v. 3b: "Geburah": substitución do nome de Deus no rabinismo), e refugan o seu Espírito Santo (v. 5), entendido este como inspiración interior que fai de guieiro na educación.
**1**, 6-11 Antropoloxía bíblica de dimensión teolóxica ("entrañas= riles": sede das intencións ocultas; "corazón", facultade do pensamento consciente). De fondo escóitanse as críticas dos xudeus disidentes. Deus que, co seu Espírito cósmico á maneira da "alma do mundo" estoica, enche o universo habitado (oikoumene, cf v. 7), escoita (v. 10) todas as protestas en contra da súa providencia (vv. 9. 11: "katalalía": maledicencia, espallamento de rumor infundado).
**1**, 12-15 *A morte* tira a súa orixe do pecado e son os homes os que a elixen. É unha morte espiritual semellante á aludida en Ap **2**, 11. No v. 14, é chamada co nome clásico grego para o inframundo, *o Hades*, aquí personificado á maneira hebrea do xeol en canto imperante da destrución. O mundo, de seu, é bo, como en Xén **1**.

nin se aleda co exterminio dos vivos;
14creouno todo, de certo, para que subsista
e as criaturas do mundo son saudables:
non hai nelas veleno mortal
nin ten o Hades imperio sobre a terra,
15porque a xustiza é inmortal.

**A vida dos impíos**

16Os impíos, en troques,
chámana con xestos e verbas;
coidando que é unha amiga,
devecen por ela, fan con ela alianza:
merecen en efecto ser da súa facción.

**2** 1Pois din para si argüíndo erradamente:
"Curta e triste é a nosa vida;
non hai menciña
para o esmorecer do home
e de ninguén se sabe
que volvese do Hades.
2Nacemos por acaso
e pasado o tempo seremos
coma quen non existiu,
xa que o bafo do noso nariz é fume
e o pensamento,
faísca do latexar do noso corazón.
3Cando ela esmoreza,
o corpo hase trocar en cinsa
e esvaecerase o espírito coma aire livián.
4Co tempo esquecerase o noso nome,
ninguén vai xa lembrar os nosos feitos,
fuxirá a nosa vida
coma rastro de brétema,
disipada coma néboa
perseguida das raiolas do sol
e esmagada pola súa calor.
5O noso momento é o do fuxir da sombra
e non ten retorno o noso final:
pónselle o selo, e xa ninguén retorna.
6Veña logo!
Gocemos dos bens que están á man!
Gocemos do creado
co rebulir de xente nova!
7Enchámonos de viños de marca
e de perfumes,
non deixemos fuxir
ningunha flor da primavera!
8Coroémonos cos broches das roseiras
antes de que murchen!
9Que non haxa ninguén
alleo á nosa esmorga;
deixemos, todo arredor,
sinais do reloucar!
Tal é a nosa parte, a nosa sorte.
10Asoballemos o pobre honrado,
non perdoemos a viúva
nin teñamos respecto
para as canas venerables do ancián!
11Que sexa a nosa forza
a norma da xustiza,
xa que o ser feble se estima inútil!
12Espreitemos o home xusto
que nos dá tanto noxo
e se opón aos nosos feitos,
botándonos en cara
as transgresións da lei,
reprochándonos
faltas da nosa educación.
13Glóriase de coñecer a Deus,
noméase a si mesmo fillo do Señor.
14Converteuse en censura
dos nosos criterios;
soamente ollalo xa nos irrita,
15pois a súa vida difire das dos outros
e os seus vieiros son estraños.
16Coida que somos falsarios
e afástase dos nosos camiños
coma da podremia;
considera feliz o destino dos xustos
e presume de ter por pai a Deus.
17Examinemos
se son veraces as súas razóns,
comprobemos como é o seu finar.
18Se o xusto é fillo de Deus,
virá El a acorrelo
e ceibarao da man dos seus inimigos.
19Poñámolo na proba
da aldraxe e do tormento
para constatarmos a súa mansedume
e experimentarmos
a súa resistencia ao mal!

**1**, 16ss O discurso expón a teoría e a praxe deses ateos prácticos e a súa hostilidade en contra de quen, coa súa actitude, os condena. Non é doado dexergar se as alusións verbais se refiren a doutrinas concretas (epicureísmo, saduceísmo). Semellan frecuentes as alusións ao Qohélet, ou ben a unha interpretación hedonista do seu libro.
**2**, 1 O motivo da brevidade da vida, presente en Ecl **2**, 22-23 e Xob **14**.
**2**, 2-3 Mesturan linguaxe de aparencia epicúrea (formación do cosmos polo acaso) con teorías do principio ígneo do espírito (fumes, faísca, cinsa: Heráclito?) e antropoloxía bíblica (o "alento vital" de Xén **2**; o espírito como lene aire: Ecl **1**; **3**, 20).
**2**, 5 *O selo* pecha a vida ou ben o sartego destes escépticos.
**2**, 13 O tema da persecución do xusto revístese de numerosas alusións ao texto de Is **52-66** na versión grega, e especialmente a Is **52**, 12, describíndoo con caracteres semellantes aos do "Servo de Iavé". Coñecer a Deus é terminoloxía profética que supón a fe práctica.
**2**, 13-18 A relación filial con Deus (vv. 13. 16. 18) supón un cumio teolóxico atinxido neste libro: xa nos Salmos se falaba de Israel como fillo de Deus; fillo de Deus era tamén o rei; pero respecto do individuo xorde claramente, no contexto dos libros canónicos, por vez primeira neste escrito.

[20]Condenémolo
a unha morte ignominiosa,
pois, segundo el fala,
terá quen o protexa!”.
[21]Tal pensan, mais engánanse:
cégaos a súa malicia.
[22]Non se decatan dos misterios de Deus
nin esperan no premio da virtude
nin acreditan na recompensa
das persoas sen chata.
[23]Pois Deus creou ao home
para a incorruptibilidade
e fíxoo imaxe do seu propio ser,
[24]mais pola envexa do demo
entrou a morte no mundo,
e os seus cómplices téñena de probar.

### A vida dos xustos está na man de Deus

**3** [1]Pero as vidas dos xustos
están na man de Deus:
non haberá tormento que as toque.
[2]As xentes insensatas
coidaban que morreran
e o seu tránsito
semellaba unha desgraza,
[3]o seu partir de entre nós, unha desfeita,
mais eles fican en paz.
[4]Aínda que para o ollar humano
fosen magoados,
a súa esperanza
ía preñada de inmortalidade;
[5]corrixidos no pouco, acadarán moito
pois foi Deus quen os probou
e atopounos dignos de si.
[6]Depurounos coma ouro no crisol,
aceptounos
coma sacrificio de holocausto.
[7]No momento de lles pedir contas
resplandecerán,
saltarán coma as muxicas dos carozos;
[8]gobernarán países, dominarán nos pobos
e sobre eles reinará o Señor eternamente.
[9]Os que nel fían acadarán a verdade,
os fieis no amor serviranlle moi cerca,
pois concede El
o seu piadoso favor aos virtuosos
e a protección aos que El elixiu.
[10]Mais os impíos sufrirán o castigo
conforme ao seu pensar
por abandonaren ao xusto
e se arredaren do Señor.
[11]Malpocado o que desbota
sabedoría e instrución!
Baleira é a súa esperanza,
inútiles os esforzos,
sen xeito as súas obras,
[12]tolas as súas mulleres,
retorcidos os seus fillos,
maldita a súa caste.

**2**, 20 Amplifica retoricamente a persecución dos xudeus disidentes, citando a paixón do Servo isaiano. A “protección” de Deus é, ao pé da letra, a “visitación” bíblica (pequddah = presenza de Deus para xuízo ou axuda).
**2**, 21-24 Xuízo conclusivo do autor. *Os misterios de Deus* (v. 22) son os seus designios, eses que El vai desvelar nos próximos cc.: o propósito de levar ao home á inmortalidade (v. 23: [paphzarsía]= non corrupción; cf **6**, 18. 19). O autor chega a esta conclusión tirando a consecuencia total de Xén **1**, 26 no seu v. 23b: o home é imaxe de Deus a todos os niveis; tal era o proxecto inicial, a inmortalidade como graza (cf **3**, 4; **4**, 1; **8**, 13; **15**, 5).
**2**, 24 O proxecto divino deturpouse por unha envexa demoníaca (v. 24): a interpretación deste verso non é doada; a máis obvia semella ver nel unha nova lectura na clave demonolóxica do tempo, da figura da serpente de Xén **3** (como farán Xn **8**, 44 e Ap **12**, 9; **20**, 2); outra podería ver no verso a figura de Caín, ao que se fai alusión no libro en **10**, 3, e que iría ben no contexto da xenreira entre irmáns da comunidade xudía no que se escribe. A morte é a morte total, á que están destinados os impíos (*téñena de probar*), pensada probablemente como aniquilación perenne do malvado, á maneira do libro de Daniel, aínda que de **4**, 20 se puidese deducir un xuízo final de xustos e inxustos.
**3**, 1ss O sabio vainos falar do “Segredo de Deus”, ese misterio non observable para a simple vista, do que se compón o destino do home despois do seu pasamento.
**3**, 1-9 Os xustos experimentan unha protección especial de Deus (a súa “man”: cf Dt **33**, 3; Is **62**, 3), libres dos tormentos que sacudirán ao malvado (**4**, 19). *As vidas*: o grego “psyché” (ánima) é unha tradución do hebreo “néfex”.
**3**, 2-4 Paradoxo: aparencias de morte, pero plenitude de que gozan (no xeol ou no cortexo dos anxos?) ata o xuízo final (cf Is **57**, 1-2). A realidade era outra da que parecía: a súa vida foi unha preñez que alumaría a Inmortalidade. Por vez primeira comparece a palabra azanasía (= non morte), que tornará no N. T. O libro repítea con diversos sentidos en **4**, 1; **8**, 13. 17; **15**, 3; e, como adxectivo, xa saíu en **1**, 15.
**3**, 5-6 Amais desa fin esperada, o padecemento tiña para os xustos un sentido non de castigo senón de educación ou disciplina, tema que reaparecerá constantemente na segunda parte homilética do libro.
**3**, 7-9 Trátase dun xuízo positivo, descrito en termos tirados da apocalíptica: triunfo persoal e situación de unión íntima con Deus.
**3**, 8 *Reinará o Señor*: esta terminoloxía, atestada noutras pasaxes do libro, e que abre paso á formulación do Reino escatolóxico evanxélico, contén a idea dun mesianismo de novo tipo: o do imperio directo de Iavé, administrado polo grupo popular dos xustos.
**3**, 9 A vida na proximidade de Deus supón *acadar a verdade* (semellante ao “coñecemento de Deus” de **2**, 13).
**3**, 10-12 O xuízo dos impíos insiste na congruencia da actitude da vida cos efectos que dela se segue: cf Pr **1**, 7b, e a lei da retribución inmanente, amplificada agora no alén, cun concepto de “krisis” (xuízo) moi semellante ao do Evanxeo de Xoán.

**A esterilidade dos xustos non anula a bendición**

13 Benia, en troques, a estéril sen chata
que non coñece un leito de pecado.
Colectará o seu froito
no xuízo das vidas.
14 Do mesmo xeito ao eunuco
que non fixo delito coas súas mans
nin anhelou o mal contra o Señor,
daráselle pola súa fidelidade
un premio escolleito,
e a función máis cobizada
no templo do Señor.
15 Pois o froito de se ocupar no ben
é magnífico
e inmortal a raiceira da prudencia.
16 En canto aos fillos dos adúlteros,
non acadarán a madurez,
e a descendencia dun leito ilexítimo
esvaecerá.
17 Por máis que vivan longos anos,
non os considerarán nada
e, ao remate, a súa vellez será sen sona.
18 Se por caso morren cedo,
non terán esperanza
nin quen lles dea ánimos
no día do proceso,
19 pois é funesta a fin dunha caste inicua.

**4** 1 Mellor é non ter fillos e si virtude,
pois a súa lembranza
é xa unha inmortalidade
recoñecida de Deus e mais dos homes:
2 presente, imítana; ausente, anhélana;
coroada, desfila triunfal na eternidade,
vencedora na lide de trofeos sen chata.
3 Pola contra,
a numerosa plebe dos inicuos
non servirá para nada,
dos seus gromos bastardos
non botará fondos raigaños
nin asentará sobre rexo alicerce.
4 Xa que, por moito que un tempo
agromen as súas polas,
frouxamente afincada, abaneará co vento,
e será arrincada pola forza da galerna;
5 quebraranse os seus xermolos deformes,
o seu froito é inútil,
sen sazón para comer
e sen proveito ningún.
6 Pois os fillos nacidos de soños ilexítimos
son testemuñas da maldade contra os pais
cando verbo deles se faga un exame.

**A morte prematura do xusto, mellor que a longa vida do impío**

7 Mais o xusto,
aínda morrendo prematuro,
gozará de repouso.
8 A ancianidade venerable
non é a lonxevidade
nin se mide por número de anos.
9 Cabeza cana
é para os humanos a prudencia
e vellez madura unha vida inmaculada.
10 Un fixose agradable a Deus,
e Deus amouno,
e como vivía entre os pecadores,
foi trasladado;
11 foi arrebatado para que a malicia
non lle mudase a conciencia
nin o engano lle seducise a alma.
12 Pois o engado vicioso
corrompe o que é bo
e o remuíño da paixón
trastorna a mente inxenua
13 Madurecido cedo,
completou longos anos;
14 a súa alma era aceptable ao Señor,
foi por iso axiña
tirado do medio da maldade.
A xente óllao e non se decata
nin presta atención ao feito.
15 Pois El pon o favor e a misericordia
nos seus elixidos

**3**, 13ss A afirmación en defensa da esterilidade biolóxica é audaz, tendo en conta que para o israelita do A. T. os fillos eran bendición de Deus e parte da inmortalidade no recordo da caste, a única coñecida por eles (cf Lev **26**; Dt **7**, 14); en troques, a esterilidade da muller (a única da que se fala normalmente na Biblia) era un castigo de Deus polo pecado (cf Xén **11**, 30). De fronte a esa posición tradicional, o autor afirma que o verdadeiro froito da vida é a virtude. A inclusión do eunuco (excluído do pobo santo: Dt **23**, 2; e recuperado en parte en Is **56**, 4-5) fixo crer a algúns comentadores que o sabio facía alusión á vida célibe de seitas como a dos "terapeutas", existentes no seu tempo. A contraposición no v. 16 cos "adúlteros" disuade desta interpretación.

**3**, 16 *Fillos dos adúlteros* pode referirse a matrimonios de xudeus con pagáns, acción xa zorregada pola prédica reformadora de Esdras (Esd **9-10**; Neh 13).

**4**, 2 O "desfile do triunfo" na eternidade refírenos ao medio cultural grego das "pompas" de vitoria, no que vive o autor.

**4**, 6 Repite unha idea xa aparecida en Xob e presente en Eclo **41**, 7. O *exame* pode referirse a un xuízo das xentes ou a un inquérito das obras no xuízo final.

**4**, 7-19 Por terceira vez proponse un motivo novo, que vai en contra da tradición: a morte prematura do xusto (vv. 7-14b) é de máis valor ca a vida longa do impío, que non se decata diso e sofre as consecuencias (vv. 14c-19). A perícope ten un aire meditativo e presupón unha esexese de salmos (**37**; **49**) e outras pasaxes bíblicas.

**4**, 15 Este v. é omitido nalgunhas das traducións antigas, e pode que non sexa máis ca unha repetición de **3**, 9. Algúns comentadores propoñen a secuencia da lectura dos versos nesta orde: vv. 14-16-15-17; aínda que sen razóns definitivas.

e a protección nos seus devotos.
[16]O xusto morto condena
aos impíos que aínda viven,
e a mocidade madurecida cedo
condena a vellez
chea de anos do inxusto.
[17]Ollarán, en efecto, o morrer do sabio
sen se decataren
dos designios de Deus tocante a el
nin de para que o Señor o puxo a salvo.
[18]Ollarano con menosprezo
mais o Señor rirá deles;
[19]e ao cabo converteranse
nun cadáver infame,
obxecto de aldraxe entre os mortos
para sempre;
pois El vainos guindar mudos
cabeza abaixo,
acaneará neles desde os alicerces
e serán esmagados ata o límite;
vivirán na dor
e perecerá o seu recordo.

**Xustos e impíos ante o xuízo**

[20]Achegaranse acovardados
a render conta dos seus erros
e os seus propios delitos
acusaranos na cara.

**5** [1]Erguerase daquela o xusto
moi seguro de si
diante dos que o asoballaron
e desprezaron os seus esforzos;
[2]ao ollalo tremerán
cun medo arrepiante,
abraiados por unha salvación
tan paradoxal.
[3]Dirán para si, arrepentidos,
saloucando co ánimo angustiado:
[4]"Este é aquel
que noutrora escarnecemos
con cántigas burleiras,
nós, os mal asisados;
coidabamos que a súa vida
era unha tolemia
e o seu finar infame.
[5]Como é que o enumeran
entre os fillos de Deus
e ten parte na herdanza xunto cos santos?
[6]Ata nos afastamos
do camiño da verdade
e non nos alumaba a luz da xustiza
nin para nós alborexaba o sol;
[7]enguedellámonos nas silveiras
da impiedade e da perdición,
atravesamos desertos impracticables,
mais non recoñecemos
o camiño do Señor.
[8]Que proveito nos trouxo
a nosa fachenda?
e o gabarnos de ricos, de que nos serviu?
[9]Todo aquilo pasou coma unha sombra,
coma fugaz noticia,
[10]coma a dorna
que suca as augas galopantes
sen que se atope o rastro do seu vogar
nin deixe o ronsel da quilla
por entre as ondas;
[11]ou coma o paxariño
que fende o aire voando
sen deixar un vestixio da súa viaxe;
só o abaneo das ás azouta o aire livián,
ráchao coma asubío intenso,
abríndose camiño co bulir das ás,
mais ao cabo
non resta sinal do seu voar;
[12]ou como despois da frecha
disparada ao branco,
o aire fendido volta a se xuntar de súbito
talmente que se lle ignora a traxectoria.
[13]Do mesmo xeito nós,
non xa nacemos, esvaecemos
sen ter sinal ningún de virtude
que amosar,
malgastándonos na nosa malicia.
[14]Pois a esperanza do impío
é coma lixo levado do vento,
ou coma folerpa miúda
que espalla a galerna,
ou coma fume que disipa o vento,
e coma a lembranza pasada
do hóspede dun día".

**4**, 19 Destino dos malvados trala morte e antes do xuízo, nun Hades que xa non é mera morada de mortos, senón lugar ingrato e de tormento. O único que lles restaba aos impíos como inmortalidade, a lembranza dos vindeiros, tamén perece.
**4**, 20ss Novo fragmento, consistente no discurso dos impíos confrontados coa realidade final do xusto. Durante toda a pasaxe (**4**, 20-**5**, 23) semella darse unha nova lectura ou alusión constante a Is **59**, 6-14, unha "lamentación do pobo polos propios erros", moi citada na época.
**4**, 20 A covardía dos impíos, abraiados pola salvación dos xustos, confróntase coa *Parresía* (liberdade de facer e falar publicamente e con seguridade) dos xustos (**5**, 1); o efecto é o medo transcendente e a desesperanza diante da "paradoxa" do obrar de Deus (cf **5**, 2).
**5** A parte primeira (**5**, 4-13) láiase polas ocasións perdidas, ao ollaren os impíos o premio dos xustos: son "fillos de Deus", enumerados entre os "santos" (os "anxos" cortesáns de Deus, de Qumrân: vv. 5. 6).
**5**, 6-8 *O Camiño da verdade*, do sentido da vida e do misterio de Deus, era o "camiño do Señor", cumprimento de lei (cf Sal **1**), e, como tal, "luz de xustiza" (efecto da actitude xusta; cf Is **59**, 9).

15 Mais os xustos viven eternamente,
garda o Señor a súa recompensa
e o Altísimo mira por eles.
16 Recibirán, con razón, a magnífica coroa
e o diadema da beleza da man do Señor,
porque os encubrirá coa súa destra
e co seu brazo escudaraos;
17 collerá o seu celo como armadura
e armará a creación para a defensa
contra aos inimigos;
18 vestirá como coiraza a xustiza,
cinguirá de casco o xuízo sincero,
19 embrazará como escudo
unha santidade invencible,
20 afiará a súa ira inexorable
coma unha espada
e a seu carón loitará o universo
contra os necios;
21 partirán certeiros
os lóstregos disparados,
do ben curvado arco das nubes
saltarán ata o branco;
22 da funda da súa carraxe
xurdirán sarabiadas incesantes,
cara a eles alporizaranse as augas do mar
e os ríos asolagaranos implacables;
23 erguerase contra eles un sopro poderoso
e coma unha galerna disiparaos;
a iniquidade estragará a terra enteira,
e a maldade abaterá
os tronos dos podentes.

### A sabedoría, don de Deus

**6** 1 Escoitade, reis, logo,
e sede perspicaces!
Aprendede, gobernantes das terras
máis remotas!
2 Dade oídos,
os que dominades a xente
e vos gabades de ter multitude de pobos!
3 Do Señor venvos o poder
e a soberanía da parte do Altísimo;
El examinará as vosas obras
e esculcará as vosas intencións,
4 porque sendo ministros do seu reinado
non gobernastes conforme a dereito
nin gardastes a lei nin procedestes
segundo a vontade de Deus.
5 Arrepiante e repentino caerá sobre vós,
pois faise un xuízo severo
de quen está no alto.
6 Xa que ao pequeno
se lle disimula por piedade,
mais os grandes son xulgados
con grande rigor,
7 porque non se deixa amedrentar
o dono do universo
nin o impresionan as grandezas,
dado que foi El
quen fixo a pequenos e grandes
e por igual se considera de todos,
8 mais aos que se cren fortes
espéraos un xuízo rigoroso.

9 A vós, polo tanto, soberanos,
dirixo as miñas verbas
para que aprendades sabedoría
e non teñades tropezos,
10 pois só os que santamente observan
as cousas santas serán estimados santos
e os que se instrúan
nelas atoparán defensa.
11 Anhelade, por tanto, as miñas verbas;
desexádeas e seredes instruídos.

### Buscar a sabedoría

12 Brillante e perenne é a sabedoría
e enxérgana sen dificultade
os que a aman;
déixase atopar dos que a procuran.
13 Adiántase a se dar a coñecer
polos que a anhelan.
14 Quen madrugue por ela non ha cansar:
atoparaa chantada a carón da súa porta.
15 O matinar nela
é xa o cumio da prudencia,
quen por ela deixa o sono
axiña se verá libre de preocupacións,
16 pois ela de seu vai de acá para alá
á procura dos que dela sexan dignos,
aparéceselles benigna nos vieiros,
sáelles ao encontro en calquera proxecto.
17 O seu comezo máis auténtico
é a arela de instrución:
18 xa o degoiro de instrución é amor,
e amor é a garda das súas leis;

**5**, 15 A afirmación máis nidia da inmortalidade (cf **3**, 1; **4**, 7) que fai dos xustos partícipes do Reino (levan coroa e diadema) e protexidos especiais do Señor (v. 16).
**5**, 17-23 No estilo máis clásico das citas escatolóxicas e apocalípticas (cf Sal **91**, 4; Is **59**, 16-19; **60**, 12; Ez **38**, 39; Xl **4**), Deus intervén como guerreiro, uníndose a toda a creación para vingar os xustos.
**6**, 1-2 Se na parte primeira paralela a esta (**1**, 1-15) a "xustiza", actitude virtuosa e recta na vida, levaba a énfase, agora faise mención da graza que a posibilita: a sabedoría (xa mencionada en **1**, 4. 6) é pensada como un "espírito", un don infuso de Deus.
**6**, 3-4 Teoría da orixe divina do poder, que recollerá o evanxeo de Xn (**19**, 11).
**6**, 5-6 Pode estar aludindo aos castigos bíblicos exemplares en Moisés e David (Núm **20**, 21; 2 Sam **24**, 10-17).
**6**, 12-21 Empeza unha Loanza da sabedoría en canto tal, que se apoia nunha lectura sobre a sabedoría personificada de Proverbios (cf Pr **1**-**9**; especialmente o c. **8**).

a observancia desas leis
é garantía da incorruptibilidade;
19a incorruptibilidade, pola súa conta,
achega a Deus;
20logo a aspiración da sabedoría
guía cara ao Reino.
21De xeito que, se gustades
dos tronos e dos cetros,
soberanos das nacións,
facede aprecio da sabedoría
para que reinedes para sempre.

## II. SABEDE O QUE É A SABEDORÍA

### Introdución: A sabedoría é para todos

22Vouvos contar
o que é sabedoría e como naceu
sen vos esconder segredo ningún;
pola contra, pescudareina desde a súa orixe
deixando ben en claro o seu coñecemento
sen me afastar da verdade.
23Non camiñarei
canda a envexa acaparadora
pois non ten ela tratos coa sabedoría.
24Multitude de sabios
é salvación do mundo;
e rei ben asisado, prosperidade do pobo.
25Deixádevos, pois,
ensinar das miñas verbas
e tiraredes proveito!

### A sabedoría non é privilexio dos reis

**7** 1Tamén eu son un home mortal,
igual ca todos,
descendente daquel primeiro
moldeado de arxila.
No seo da miña nai fun en carne plasmado,
2callado por dez meses no seu sangue
polo seme do home e o pracer
que fai compaña ao sono.
3Tamén eu, ao nacer, respirei o aire común
e ao caer do mesmo xeito
nesta terra coitada
dei a miña voz primeira,
semellante ás de todos: un berro.
4Fun criado entre panos e agarimos;
5non tivo outro principio ningún rei:
6para todos é igual o entrar na vida,
e idéntica a saída.

### A sabedoría, don divino superior ao poder

7Roguei entón e foime dada a prudencia,
supliquei e veu a min
o espírito da sabedoría.
8Preferina a cetros e tronos,
en comparanza a ela,
coidei ser nada a riqueza;
9non se lle asemella a alfaia de máis prezo,
pois todo o ouro, ao seu lado,
é unha manchea de area,
e xunto a ela a prata é coma a lama.
10Ameina por riba da saúde e da beleza,
escollín posuíla en troques da luz,
pois o seu brillar non ten solpor.
11Con ela viñéronme xuntos
todos os bens,
polas súas mans, riquezas incontables.
12De todos gocei eu,
pois é a sabedoría a que goberna neles,
se ben aínda non me decatara
de que era ela a nai de todos.

### A sabedoría, ciencia da creación

13O que aprendín sen retranca,
sen envexa, comunícoo,
non gardo para min a súa riqueza,
14pois é para os homes
un tesouro inesgotable:
os que o posúen,
únense con Deus en amizade,
recomendados polo don da instrución.
15Déame Deus falar axeitadamente
e formular de acordo co que se me dotou!,
porque é El o guieiro da sabedoría
e quen dirixe aos sabios,

**6**, 22ss Esta segunda sección, a maior da primeira parte do libro (**6**, 22-**11**, 1), articúlase en catro unidades: a) Unha introdución xeral antiga: **6**, 22-25 (cf Pr **1**-**9**). b) O discurso salomónico: **7**, 1-**8**, 21. c) A pregaria de Salomón: **9**, 1-18. d) A ilustración do efecto salvador da sabedoría nos "xustos": **10**, 1-**11**, 1.
**6**, 22 A actitude do sabio ao desvelar estes "segredos" ("mysteria") que compoñen o plan de Deus (cf **2**, 22), suxire unha posición polémica contra os particularismos elitistas dos cultos iniciáticos da época (cf **14**, 23).
**7**, 1-6 Salomón foi un home coma todos os homes. A sabedoría non é xa privilexio real, efecto da adopción divina dos monarcas como en 1 Re **3**, 1-15; a común orixe da vida (pensamento bíblico) máis que a da morte (pensamento grego) vincula a todos os humanos na sorte común e nos mesmos dereitos.
**7**, 1-2 Alusión á concepción biolóxica (cf Xob **10**, 8-11; Sal **119**, 73; **139**; etc...), pensada como un callarse do sangue feminino ao contacto co "fermento" masculino durante o embarazo de dez meses lunares (cf 2 Mac **7**, 27). *Seme* e *pracer* forman unha hendíade; *sono* é un eufemismo tradicional grego que xa aparece en Homero.
**7**, 14 A instrución que no v. **1**, 5 achegaba ao Espírito Santo, leva aquí á amizade entrañable ("filial") con Deus, xa que é cousa súa o dotar as mentes e dar as razóns e o siso para conseguila (vv. 15-16; cf v. 17a: *concederme* ).

[16]xa que nas súas mans estamos
nós e as nosas razóns,
todo o noso siso
e a nosa habelencia no obrar.
[17]Foi El en persoa concederme
a ciencia exacta dos seres,
o saber da estrutura do universo
e da actividade dos elementos,
[18]o comezo, o remate
e mais o medio dos tempos,
o trocarse dos solsticios
e o sucederse das estacións.
[19]Os ciclos do ano e as posicións dos astros,
[20]a natureza dos animais
e os instintos das feras,
a potencia dos espíritos
e os raciocinios dos homes,
as variedades das plantas
e as virtudes das raiceiras.
[21]Coñecín canto hai de oculto e manifesto
[22]pois instruíume a artesá do universo:
a sabedoría.

**Excelencia e misterio da sabedoría**

De feito dáse nela un espírito intelixente,
santo, único, multiforme, sutil,
áxil, penetrante, non contaminado,
diáfano, invulnerable, amante do ben,
afiado, [23]libre, benfeitor, amigo do home,
estable, seguro, sen tribulacións,
que todo o pode e todo o observa
e que traspasa todos os espíritos
intelectivos, puros, e os máis sutís.
[24]Abofé, máis móbil ca todo movemento
é a sabedoría;
traspasa e atravesa por onde quere
en razón da súa enxebreza,
[25]porque é o alento do poder de Deus,
a emanación máis pura
da gloria do Omnipotente:
por iso nada inmundo entrará nela.
[26]É o brillar da luz eterna,
espello sen chata da actividade de Deus,
imaxe da súa bondade.
[27]Sendo unha soa, todo o pode,
permanecendo de seu, todo o renova,
e descendendo en cada xeración
nas almas boas
prepara amigos de Deus e profetas,
[28]pois Deus non ama senón
a quen convive coa sabedoría.
[29]É, en verdade, máis belida ca o sol,
excedendo a todas as constelacións;
comparada coa luz é aínda máis clara;
[30]pode a noite suceder á luz do día,
mais contra a sabedoría
non ten poder o mal.

**8** [1]Téndese poderosa de extremo a extremo,
e goberna o universo como convén.

**A sabedoría, fonte de todos os bens**

[2]Ela foi a quen quixen e procurei
desde a miña mocidade
e propúxenme tomala por esposa,
namorado da súa beleza.
[3]Ela amosa a súa nobreza
no convivir con Deus:
o dono do universo en persoa amouna,
[4]pois é unha iniciada na ciencia de Deus
a que fai a escolma das súas obras;
[5]e se as riquezas nesta vida
son cousa de anhelar,
que hai máis rico que a sabedoría
que o realiza todo?
[6]Se é a intelixencia a que ten eficacia,
quen máis artífice de todos os seres ca ela?
[7]Se hai quen ame a xustiza,
froitos do seu obrar son as virtudes:
ela ensina a temperanza e a prudencia,
a equidade e a fortaleza;
non hai na vida humana
cousa máis útil ca elas.
[8]E se alguén anhela
unha experiencia múltiple,

**7**, 21 A polaridade moi hebrea *oculto/manifesto* é un merismo, e vale tanto como dicir "todo".
**7**, 22 A sabedoría é chamada *artesá* (tehnitis) do universo; de calidade da orde do mundo (Pr **8**), pasando por ser revelación da verdade como a Palabra reveladora na lei (Eclo **1**, 24), a sabedoría devén autora activa, creadora do universo. Como vai resolver o autor o problema que isto presenta ao monoteísmo bíblico, no que só Deus pode crear (cf **13**, 1), é o que constitúe o paso adiante dado por este libro, xa ás portas do N. T., e que se expón na seguinte descrición da súa esencia.
Os vv. **7**, 22 b-**8**, 1 compoñen o núcleo central do discurso salomónico e o seu celme. É o parágrafo máis denso desde o punto de vista teolóxico e o máis conceptual de toda a obra.
**7**, 23 *Libre*, refírese a non atopar atrancos no seu obrar. *Que todo o pode e todo o observa* só se dixera antes na Biblia verbo de Iavé e os "espíritos intelixentes" aos que ela atinxe e supera, e que poden ser os anxos.
**7**, 25-26 Procedencia da intimidade de Deus, que se reafirma con metáforas que superan Pr **8**, 22ss e Eclo **24** pola súa conceptualidade helénica, e acrecentan as súas raíces bíblicas ("alento" fronte a "emanación"; "raiolar da luz" fronte a "imaxe").
**8**, 3 A preeminencia vénlle á sabedoría da circunstancia de estar a carón de Deus, ser cousa de Deus; este concepto exprésase aquí cunha palabra arriscada, a "symbiosis", a convivencia máis íntima, típica da vida matrimonial. A mesma idea retornará en **9**, 9 e suxire neste parágrafo e no seguinte (cf vv. 9. 16) a metáfora do namoramento para describir a busca da sabedoría (cf v. 2).
**8**, 7 O concepto de *xustiza* como actitude fundamental práctica (cf **1**, 1. 15) aludindo ás catro virtudes cardinais tradicionais desde Platón e nos estoicos.

ela coñece o pasado e entrevé o futuro,
domina os xiros da linguaxe
e as solucións dos enigmas,
prevé os signos e os prodixios
e os remates das épocas e dos tempos.

### A sabedoría, compañeira da vida

[9]Decidín, polo tanto,
facela compañeira da miña vida,
consciente de que sería
a miña conselleira na ledicia
e consolo nas coitas e tristuras.
[10]Por mor dela acadarei
boa sona entre as xentes,
e, aínda novo, honraranme os anciáns;
[11]ao preitear teranme por asisado,
sendo admirado diante dos poderosos;
[12]se calo, poranse á espreita;
se comezo a falar, atenderán;
se me alongo en razóns,
levarán a man á boca.
[13]Grazas a ela conseguirei a inmortalidade,
deixando eterna lembranza nos vindeiros.
[14]Gobernarei pobos,
someteránseme nacións.
[15]Tiranos terribles tremerán
ao oíren falar de min;
co pobo serei piadoso e na loita, baril.
[16]Cando volva para a casa,
acougarei ao seu carón
pois o tratar con ela
non é cousa de amargura,
nin dá mágoas a súa convivencia,
senón que trae o gozo e a ledicia.

### A sabedoría, graza de Deus

[17]Cavilando para min mesmo deste xeito
e matinando no meu interior
no feito de que a inmortalidade
ten parentesco coa sabedoría
[18]e que a súa amizade
é un pracer honesto,
e o traballo das súas mans,
riqueza inesgotable,
e a constante asiduidade do seu trato,
prudencia,
e que no participar das súas razóns
se atopa a boa sona,
andei eu ás voltas procurando
como facela miña.
[19]Era eu, daquela, rapaz de bo natural
e caérame en sorte unha alma boa;
[20]ou ben, sendo xa bo,
entrei nun corpo sen chata.
[21]Consciente, así e todo,
de non a poder acadar
se Deus non ma concedese
–e xa era sinal de prudencia
o saber de quen era esta graza–,
volvinme cara a Deus e rogueille,
dicíndolle de todo corazón:

### Pregaria de Salomón pedindo a sabedoría

**9** [1]Deus de meus pais,
Señor de misericordia,
que fixeches o universo coa túa palabra
[2]e que na túa sabedoría formaches o home
para dominar nas túas criaturas
[3]e para que goberne o mundo
piadosa e xustamente
e administre o xuízo rectamente,
[4]concédeme a sabedoría
que asenta no trono ao teu lado
e non me rexeites de entre os teus fillos:
[5]pois eu son servo teu
e fillo da túa escrava,
un feble ser humano, de curta vida,
pequeno para entender dereito e leis.
[6]Pois mesmo se un fose
o máis perfecto dos homes,
faltándolle a sabedoría non vale nada.
[7]Escollíchesme ti para rei do teu pobo
e para gobernante dos teus fillos e fillas;
[8]mandáchesme edificar un templo

**8**, 13 O don da gloria e da sona (fama inmorredoira: *a inmortalidade* ) non é a incorruptibilidade das pasaxes anteriores (cf tamén v. 17), senón o recoñecemento na xuntanza pública e no xuízo popular (vv. 10-12), motivo probablemente tirado de Xob (**29**, 7-11, 21-25) e pasaxes similares.
**8**, 16 Poida que recolla ideas da descrición da esposa fiel de Pr **31**, 10-31.
**8**, 19-20 Estes vv. son obxecto dunha longa polémica entre os comentadores. Despiden unha antropoloxía xa non bíblica senón dualista, de influxo platónico, na que o corpo e a alma son dúas entidades separadas, e na que o corpo, parte material, é o receptáculo da alma espiritual (cf **9**, 15); non é claro que se afirme a preexistencia das almas no v. 20; e certamente non se fai no sentido dunha "caída" por causa do pecado, nun corpo-cárcere (o v. fala de "alma boa", "corpo sen chata"). O máis sinxelo é admitir o influxo da terminoloxía dos filósofos populares na formulación antropolóxica do autor; mais a "punta" do seu raciocinio non se centra nesa afirmación, senón na contraposición entre os vv. 19-20 e o v. 21: por moi bo que fose o natural do home, a sabedoría de Deus é graza. No v. 21b, a palabra "haris" fai resoar antes de tempo a mensaxe do N. T. nas grandes cartas paulinas.
**9**, 1-8 O material empregado, tirado da pasaxe da visión de Salomón en Gabaón (1 Re **3**), é unha interpretación libre daquela pregaria.
**9**, 4 A sabedoría é chamada co vocábulo "Peredra", empregada na mitoloxía helénica para designar as deusas consortes, pero que, na súa audacia, non di máis do suxerido en Pr **8**, 30. O resto (vv. 5. 6) recolle linguaxe dos Salmos, de 1 Re **3**, 9, e do mundo sapiencial tradicional.
**9**, 8 Fai referencia á tradición da existencia no ceo dun prototipo do templo xerosolimitano (cf Éx **25**, 9; 1 Cro **28**, 11-19).

no teu monte santo
e un altar na cidade da túa morada,
copia do santuario que preparaches
desde o comezo.
[9]E contigo está a sabedoría,
que ben coñece as túas obras
e estaba ao teu lado
cando fixeches o mundo
e moi ben sabe ela
o que aleda os teus ollos
e canto vai conforme aos teus mandados.
[10]Envíaa desde os sagrados ceos,
mándaa desde o teu trono glorioso,
para que me asista nos traballos
e me ensine o que sexa
máis do teu agrado;
[11]pois ela, que todo o sabe e comprende,
hame guiar axeitadamente
nas miñas empresas
protexéndome co seu prestixio.
[12]Serán entón aceptables as miñas obras,
gobernarei xustamente o teu pobo
e serei digno do trono de meu pai.
[13]Que home de feito poderá coñecer
o plan de Deus
ou quen se decatará
do que quere o Señor?
[14]Abofé, os pensamentos dos mortais
son covardes
e inseguros os nosos proxectos.

**A sabedoría salva ao xusto**

[15]Porque o corpo corruptible pesa na alma
e a tenda terrestre
oprime a mente cavilosa.
[16]Se con dificultade imaxinamos
o que hai sobre a terra
e con traballo atopamos
o que está a man,
quen pescudará o que hai no ceo?
[17]Quen coñecerá o teu consello
se ti non lle dás sabedoría
mandando o teu espírito santo
desde o alto?
[18]Soamente deste xeito se endereitaron
os vieiros dos terrestres,
aprenden os homes o que é do teu gusto
e son salvados pola sabedoría.

**10** [1]Ela protexeu ao pai do mundo,
o primeiro en ser plasmado,
que fora creado só,
e tamén o ergueu da súa caída
[2]dándolle a forza para sometelo todo.
[3]Cando un criminoso
se afastou dela na súa xenreira, pereceu
xunto cos seus degoiros fratricidas.
[4]Cando pola súa culpa
a terra ficou alagada,
de novo a salvou a sabedoría,
patroneando ao xusto
nun madeiro inservible.

[5]Foi ela por igual a que,
cando as nacións se confundiron
confabuladas no mal,
recoñeceu ao xusto e conservouno
sen chata diante de Deus,
manténdoo firme
ata por riba do amor polo seu fillo.
[6]No tempo do exterminio dos impíos
ela salvou ao xusto, fuxitivo do lume
que caeu sobre as cinco cidades.
[7]E como testemuña de tal ruindade
aínda resta un ermo fumegante
e árbores que dan o froito
antes do tempo cumprido,
e, monumento a unha alma incrédula,
mantense en pé a estatua de sal.
[8]Pois deixando de lado a sabedoría
non só se prexudicaron
non coñecendo o ben,
senón que deixaron nos viventes
unha lembranza da súa necidade,
de tal xeito que non puideron agochar
os seus erros.
[9]A sabedoría, en troques,
librou de traballos aos seus fieis.

**9**, 9 Volve á nova lectura de Pr **8**, 22-30; pero no v. 10 corrixe a presenza ante-creacional por unha constante existencia celeste.
**9**, 15 A idea platónica do *corpo corruptible* convértese en imaxe bíblica, referíndose ao corpo coa palabra *tenda* (que moi ben podería ser o transfondo de "puxo a tenda entre nós" de Xn **1**, 14).
**9**, 17 "Dar" e "mandar" recollen as dúas peticións da pregaria (vv. 4. 10) equiparando sabedoría e espírito de Deus (cf **1**, 5. 7; **7**, 22b).
**10**, 3 Alude a Caín (cf Xén **4**, 8-15), e a súa caste é feita responsable do diluvio (v. 4a).
**10**, 4 Noé, revalorizado neste tipo de esexese (cf Eclo **44**, 17), é salvado pola sabedoría, aínda autora da salvación (na segunda parte do libro, só Deus salva: cf **14**, 6).
**10**, 5 Non semella facer referencia a Babel, senón a Xén **11**, 1-9, vinculándoo ao sacrificio de Isaac (Xén **22**).
**10**, 6 Os *impíos* son xa estranxeiros (referencia a Lot, cf Xén **19**), o que adianta en parte a "synkrisis" ou contraposición da segunda parte da obra. As *cinco cidades* (Sodoma, Gomorra, Ademah, Seboim e Soar) recordan as Pentápolis gregas.
**10**, 8-9 Adianta un tema da segunda parte: o pecado é debido ao non saber do ben ("ta kalá": o ben ético dos estoicos). A sabedoría "libera" (todo o capítulo está cheo desa función de protección e liberación: vv. l. 4a. 5b. 6a. 12a. 13a. 15b, no texto grego).

10 Por vieiros rectos conduciu ela
ao xusto fuxitivo da carraxe fraterna.
Mostroulle o reino de Deus
e deulle o coñecemento das cousas santas;
axudouno nos seus traballos
e fixo frutificar os seus esforzos,
11 estivo ao seu carón
fronte á cobiza dos opresores,
e enriqueceuno;
12 protexeuno dos inimigos
e asegurouno contra os que o axexaban;
deulle o premio do triunfo
nunha dura liorta,
para que se decatase de que a piedade
é a máis poderosa.
13 Non abandonou ela ao xusto vendido
senón que o librou de caer en pecado;
14 xunto con el baixou ao cárcere
e non o deixou na cadea,
ata conseguir para el o cetro real
e o poder sobre os seus tiranos.
Aos que o calumniaban,
probounos de falsidade,
e a el concedeulle gloria imperecedoira.
15 Foi ela a que liberou
dunha nación asoballante
ao pobo santo, caste irreprochable.
16 Penetrou a alma dun servidor do Señor
e opúxose a reis terribles
con prodixios e signos;
17 recompensou aos santos
coa paga dos seus traballos,
levounos por un camiño marabilloso,
trocóuselles en sombra polo día,
esplendor de luminarias pola noite.
18 Fixoos atravesar polo mar Vermello,
conducíndoos por entre inmensas augas;
19 alagou os seus inimigos
e a resaca rexeitounos
desde o fondo abismal.
20 Por iso os xustos
despoxaron aos impíos
e cantaron un himno, Señor,
ao teu santo nome,
loando concordes a túa man vitoriosa,
21 porque a sabedoría abriu
a boca dos mudos
e deu axilidade ás linguas dos meniños,

**11** 1 facendo prosperar as súas obras
por medio dun profeta santo.

## III. A SABIA GUÍA DE DEUS CO SEU POBO

### Introdución

2 Percorreron un deserto inhabitado
e cravaron as tendas
en lugares inaccesibles;
3 fixeron fronte a guerreiros
e rebateron inimigos.
4 Cando tiveron sede berraron por ti,
e unha rocha fragosa deulles auga,
curounos da sede un duro penedo;
5 canto serviu para castigar
os seus inimigos
foi para eles axuda na dificultade.

### Primeiro contraste: a auga da rocha, en lugar de sangue no río

6 No sitio de manancial perenne,
dun río túrbido de sangue e po,
7 pena do decreto infanticida,
déchesslles a eles inesperadamente
auga abonda,
8 mostrándolles por medio daquela sede
de que xeito castigaras
os seus adversarios.
9 Porque cando os puxeches a proba,
se ben corrixíndoos con piedade,

**10**, 10 Aparece por única vez no A. T. a expresión *reino de Deus*, tan frecuente nos evanxeos; nesta pasaxe equivale a "ceos" ou "segredos do ceo" (cf o paralelo con "cousas santas") e alude á visión de Betel.
**10**, 12 Figura de Xacob glosando as súas loitas con Esaú e Labán (Xén **27**, 29).
**10**, 13-14 Xosé (Xén **37**-**41**) é o tema; e en 13b aparece a noción de pecado como transgresión contra Deus ("hamartía").
**10**, 15 ss Todo o pobo e Moisés son os protagonistas, iniciando a contraposición *santos* (vv. 15b. 17a.; **11**, 1) e *xustos* (v. 20a) contra *impíos* (v. 20a), paradigma da polaridade de Israel-Exipto da segunda parte.
**11**, 2-**19**, 22 A sabia guía de Deus co seu pobo.
Con **11**, 2 dá comezo a segunda parte da obra, unha peza homilética que ten por tema o Éxodo, e por finalidade presentar a distinta sorte dos xustos e dos impíos, exemplificada no xuízo escatolóxico anticipado que para o autor constitúe a historia de Israel e particularmente a liberación do xugo exipcio: o que para uns é liberador, para outros é destrutor. A composición puido existir independentemente, e non sería esaxerado pensar nun "Sermón da Pascua" como base do escrito actual. No seu estado presente semella estar incompleta, tanto ao comezo como ao remate.
**11**, 4 *Deulles auga*: o texto di exactamente "foilles dada": un pasivo divino, co que se evita pronunciar o nome de Deus por respecto.
**11**, 6-14 A auga convértese en castigo e bendición, e ao mesmo tempo, en presenza providencial e medio pedagóxico nestes versos. Coméntanse os textos de Éx **7**, 17ss e **17**, 5-7, contrapoñéndoos no seu obxectivo de castigo xusto (v. 7) e instrución (v. 8).
**11**, 7 O *decreto infanticida* alude a Éx **1**, 16. 22 (cf tamén **18**, 5).

comprenderon
como eran atormentados os impíos
xulgados con ira;
10xa que a eles os probaras
coma un pai que amoesta,
mais aos outros examináchelos
coma un rei inflexible que condena;
11ausentes e presentes,
por igual esmorecían:
12unha dobrada tristura apreixábaos
e tamén un salaio
coa lembranza do pasado,
13pois, ao oíren que por medio
das súas probas
outros se beneficiaban,
percibían niso a presenza do Señor.
14A quen noutrora deixaran abandonado
e rexeitaran burleiros,
tiveron que admiralo
ao remate dos sucesos,
sufrindo unha sede moi diversa
da dos xustos.

**Segundo contraste:**
**paspallás en lugar de bechos**

15En razón das súas desaxeitadas tolemias
polas que, extraviados,
adoraron réptiles irracionais e viles bestas,
mandaches contra eles, en vinganza,
unha grea de animais sen razón
16para que comprendesen que cadaquén
é castigado naquilo no que peca.

**Digresión: estilo de Deus nos seus castigos**

17Abofé que non lle faltaban modos
á túa man omnipotente,
que creara o universo da materia informe,
para lles botar enriba bandas de osos
e de feros leóns
18ou feras de nova invención,
descoñecidas, furibundas,
exhalando un bafo de lume
ou botando un alento fumegante,
ou fulminando polos ollos
muxicas arrepiantes,
19que ben poderían exterminalos
non xa coas súas feridas
senón destruílos
só coa súa estarrecedora ollada.
20E sen chegar a tanto,
cun simple aire, podían caer
perseguidos pola túa vinganza
e varridos polo teu potente sopro,
mais arranxáchelo todo
con medida, número e peso,
21pois sempre tes a disposición
o usar do teu gran poder
e, quen poderá oporse
á forza do teu brazo?
22Porque o universo todo, de fronte a ti,
é coma un lixo na balanza
e coma pinga de orballo da alborada
caendo sobre a terra.

**Deus ten sempre misericordia**

23E malia isto
compadecícheste completamente,
pois todo o podes
e pasas por alto os pecados dos homes
para que se convertan,
24pois amas a cada ser
e non rexeitas nada do que fixeches:
se algo che dese noxo, xa non o crearías.
25Como podería algo subsistir
se ti non o queres
ou conservarse o que ti non chamas?
26Mais ti todo o perdoas
porque todo é teu,
Señor, amigo da vida.

**12** 1Pois o teu sopro incorruptible
mora en todas as cousas.
2Por iso corrixes pouco a pouco
a aqueles que tropezan
e amoéstalos

**11**, 11-14 O efecto da mágoa nos exipcios é descrito en clave psicolóxica; o autor retomará con frecuencia este motivo, xogando cos temas da tristura, o medo, o abraio, etc..., moi propio dos comentarios helenísticos filosóficos.
**11**, 14 Recolle a figura de Moisés, aludida no **11**, 1. Os "xustos" exemplares son agora os israelitas como colectividade. Cala en toda a perícope a desobediencia e as protestas do pobo de Israel, mentres que a idea do castigo como proba xa era coñecida na parénese de Dt **8**, 2-5.
**11**, 15-16 As *desaxeitadas tolemias* dos inxustos (v. 15a) son para o autor, con moita probabilidade, a veneración en que Exipto tiña a bestas coma o crocodilo ou os escaravellos. Retrotraendo ao tempo do Éxodo, ve nas pragas dos bechos (sapos, mosquitos, moscas, saltóns) de Éx **8** e **10**, o castigo cumprido para semellantes abominacións, imaxe do castigo escatolóxico dos "impíos".
**11**, 17s Explicación sobre o "estilo de Deus nos seus castigos", que quere ser una teoloxía da misericordia divina. O fragmento articúlase en dúas partes marcadas polas correspondentes inclusións verbais: A) Deus ten poder sobre todo o Universo: vv. 17-22; B) Xustamente por ser Omnipotente, é misericordioso: **11**, 23-**12**, 22.
**11**, 18-19 Enumeración dun bestiario fantástico, corrente na antigüidade clásica e na Biblia (cf Xob **41**).
**11**, 22 *O lixo na balanza* (v. 22) pode proceder de Is **40**, 15 ou ben aludir á máis pequena das pesas para produtos de mercado, o "gran".
**11**, 24 Nunha lectura verdadeiramente inspirada de Xén **1**-**2**, o autor afirma a tese de que Deus ama canto creou; só a "ágape" (v. 24a), o amor desinteresado de Deus, explica que fixese as criaturas e que as siga mantendo. "Deus ama a todos os seres" (v. 24a) e "Deus ama a vida" (v. 26b), son novas lecturas magníficas daquel "viu Deus que todo era bo", da Xénese.

lembrándolles os seus erros
para que, deixando a maldade,
crean en ti, Señor.
3Deste xeito foi
como aos antigos moradores
da túa terra santa
4os aborreciches, por culpa
das súas prácticas infames,
feitizos e impías iniciacións;
5inmisericordes sacrificadores
de seus fillos,
devoradores das vísceras
e carnes humanas,
e iniciados co sangue,
no curso de xuntanzas orxiásticas,
6pais asasinos de vidas sen defensa;
a eses tales determinaches exterminalos
pola man de nosos pais,
7de xeito que aquela terra,
para ti a máis cara de todas,
puidese recibir
unha colonia digna de fillos de Deus,
8mais mesmo con estes,
como homes que eran,
amosaches moderación
mandándolles tabáns,
precursores do teu exército,
para que os fosen exterminando
pouco a pouco.

**Deus deixou aos cananeos tempo de se arrepentiren**

9Ben podías someter nunha batalla
os impíos aos xustos
ou aniquilalos dunha vez
por medio de bestas feroces
cunha verba inflexible;
10mais, sentenciándoos paulatinamente,
déchesslles oportunidade de se arrepentiren,
por máis que non ignorabas
que a maldade lles viña de caste,
que a malicia lles era connatural
e que nunca trocarían
as súas matinacións,
11porque eran una raza maldita
desde o principio.
Tampouco non foi
que por medo de alguén
deixases sen pena os seus delitos,
12xa que, quen pode demandarche:
"Que fixeches?".
Ou, quen pode rebater o teu veredicto?
Quen te vai convocar a xuízo
pola destrución de nacións que ti creaches?
Ou, quen se constituirá contra ti
en vingador de homes inxustos?
13Non hai, fóra de ti, un Deus
que se considere de todas as cousas,
a quen tiveses que probar
que non xulgaches inxustamente;
14nin hai rei nin tirano
que poida encararse contigo
demandando a razón
de por que os castigaches.
15Ti es xusto e todo o dispós xustamente,
de xeito que condenar
a quen non merece castigo
considéralo indigno do teu poder.
16Xa que o teu poder é a fonte da xustiza,
e seres ti o dono de todo
lévate a amosarte indulxente.
17Só fas proba da túa forza
cando non se dá creto
á totalidade dese poder
confundindo a audacia dos que o coñecen;
18así, dominando a túa forza,
xulgas con equilibrio
gobernándonos con toda consideración,
pois na man tes o poderío cando queres.

**Tamén o xusto debe ter misericordia**

19Con feitos semellantes
ensinaches ao teu pobo
que ao xusto lle cómpre ser humano;
e a teus fillos déchesslles
a ditosa esperanza
de concederlles despois dos pecados
tempo de se arrepentir.

**12**, 4 Afincado nunha lectura do Dt (**7**, 11; **12**, 13; **18**, 9-12), o autor amorea tradicións lendarias, datos bíblicos e persoais, para describir os cananeos como o peor da corrupción (vv. 4-7).
**12**, 4-5 As *iniciacións* corresponden máis aos ritos do seu tempo ca aos cananeos (cf **14**, 15. 23). O canibalismo, do v. 5b, é unha esaxeración literaria baixo o influxo da traxedia grega. A verba *xuntanzas* traduce un termo típico das relixións místericas, algo semellante a "confrarías para iniciados".
**12**, 7 O feito de definir aos hebreos chegados a Exipto como *colonia* ("apoikía = asentamento de emigrantes), reflicte socioloxicamente a identidade dos xudeus de Alexandría.
**12**, 8 Cf **7**, 20; **21**, 21-35; Éx **23**, 28.
**12**, 9-10 Deus deixou aos cananeos tempo de se arrepentiren, non porque non puidese castigar, senón precisamente porque o seu poder é a raíz da súa misericordia.
**12**, 11-12 Outro motivo é o feito de non actuar por medo ou sometemento (vv. 11b-12). O tema relembra ao Deuteroisaías (cf Is **45**, 9), e pode supor unha pequena polémica con Xob (cf Xob **9**, 12. 19; etc.).
**12**, 19-22 Deus fai obrar xuntamente xustiza e misericordia cos pecadores; cómpre, xa que logo, que o xusto actúe no mesmo estilo ca Deus, cómprelle ser "filánthropos" (v. 19b); cando sexa xulgado, esperará na bondade; cando xulgue, será piadoso (v. 22cd). Con esta doutrina atínxese un dos cumios éticos do libro.

[20]Pois se aos inimigos de teus fillos,
merecentes da morte, castigáchelos
con tanta consideración e indulxencia
dándolles tempo e lugar
para se afastar da maldade,
[21]con canto meirande coidado
non xulgarías os teus fillos
se a seus pais lles concediches
xuramentos e alianzas
de promesas magníficas?
[22]De sorte que mentres a nós nos corrixes,
flaxelas os inimigos nosos con mesura
para que, ao xulgarmos,
cavilemos na túa bondade,
e ao sermos xulgados,
esperemos na misericordia.

**Xuízo de burla contra os ídolos**

[23]De maneira que aos que perversamente
pasaban a vida na necidade,
atormentáchelos
cos seus propios obxectos abominables.
[24]Extraviáranse, de feito,
moi lonxe por vieiros errados,
chegando a considerar deuses
mesmo aos máis viles
e repugnantes animais,
deixándose enganar coma nenos sen siso.
[25]Foi así que, coma a meniños sen razón,
os fixeches sufrir un xuízo de burla.
[26]Mais os que non se deixaron emendar
coas correccións burlescas
tiveron que soportar
un castigo digno de Deus,
[27]porque se irritaban
contra os que os facían sufrir,
contra aqueles mesmos
aos que consideraban deuses
e polos que eran perseguidos,
ollando agora e confesando
como verdadeiro Deus
a quen noutrora se negaran a recoñecer:
por tal razón veu sobre eles
a condena plena.

**Digresión: tratado sobre a idolatría. Adoración da natureza**

**13** [1]Vans eran, abofé, de seu,
todos os homes que ignoraban a Deus
e que non foron capaces
de coñecer Aquel que é,
a través das cousas boas que están á vista,
nin de descubrir o Artífice
contemplando as súas obras;
[2]senón que foi ao lume, ou ben ao vento,
ou ao zoar lene,
á bóveda astral, á auga impetuosa,
ou ás luminarias do ceo,
a quen consideraron como deuses
rexedores do cosmos.
[3]Que se, enmeigados pola súa beleza,
creron cousas tales seren deuses,
cómpre que saiban ben
canto máis belido é o Señor delas,
pois foi o autor da fermosura
o que as creou!
[4]Se ficaron abraiados
pola súa potencia e enerxía,
cavilen a partir delas canto máis poderoso
será o que as formou!
[5]Pois da grandeza e a beleza das criaturas
pódese intuír por analoxía o seu Facedor.

**12**, 23-27 Despois do excurso prosegue o contraste segundo, iniciado en **11**, 15-16.
**12**, 25 A *sen razón* ("afrosyne": carencia de discernimento) xónguese a "ídolos" (obxectos abominables"; cf 1 Re **11**, 5. 33 na tradución dos LXX), facendo dos exipcios nenos sen siso.
**13**, 1ss No medio do segundo contraste (a praga dos animais) e como segunda digresión, aparece un auténtico tratado apoloxético sobre os diversos tipos de falso culto (**13**, 1-**15**, 17). O tema semella preparado nos vv. 23-27 do c. anterior; mais a súa construción nimia e requintada fai pensar nun escrito previo, introducido aquí ou elaborado polo autor da homilía.
**13**, 1-9 A forma máis alta da idolatría descóbrea o sabio na adoración da natureza. Tanto máis paradoxal lle resulta que quen admira a natureza non teña coñecemento do seu facedor.
**13**, 1 Trátase dunha ignorancia de nacemento (de seu= "fysei"; non traducir "por esencia"). O autor, como bo israelita, non pode pensar nun ateísmo lóxico, senón nun ateísmo ou idolatría éticos, da praxe. *Aquel que é* non ten por que ser copia do termo platónico para designar o Absoluto por contraposición con *están á vista*. Ex **3**, 14 facía xa desta expresión o nome do Deus de Israel. *Artífice* traduce a verba "tehnites" (dita da Sabedoría nos vv. **7**, 22a e **8**, 6): o facedor da obra de arte; con esta palabra suxírense os motivos de creación e beleza que se desenvolven nos vv. seguintes.
**13**, 2 Enumera os principios cosmogónicos da natureza segundo a filosofía grega tradicional, engadindo as luminarias celestes, de orixe bíblica (Xén **1**, 16). Os *rexedores* (prytáneis) son os membros do concello das cidades helénicas.
**13**, 3-6 A argumentación sobre a beleza do creado concede aos acusados a facilidade de ceder ao seu engado, mais afirmando a posibilidade dun coñecemento natural de Deus.
**13**, 5 Os vocábulos *intuír* = "zeoreszai" (o contemplar platónico e aristotélico) e *por analoxía* = "análogos" (semellanza de proporcionalidade nas matemáticas gregas) supoñen un coñecemento claro e seguro en contra do escepticismo reinante (cf Rm **1**, 19-25, apropiando sen dúbida esta pasaxe).

6E, así e todo, estes merecen
unha reprensión pequena
xa que pode que se trabuquen
na procura de Deus e teimando atopalo.
7Pois ao se ocuparen das súas obras
para pescudalas,
fascínaos a aparencia, pois son fermosas
as cousas que contemplan.
8E, con todo, nin estes son escusables
9xa que, se puideron acadar tanta sabenza
ata chegaren a enxergar
os principios do universo,
como é que non descubriron
máis axiña ao Señor deles?

**Culto aos ídolos**

10Máis miserentos, por afincaren
en cousas mortas a súa esperanza,
son aqueles que chaman deuses
ás feituras das mans dos homes,
ouro e prata, materiais de artista,
e semellanzas de animais,
ou ben unha pedra inútil,
feitura de man antiga.

**Ídolos de madeira**

11Supoñamos que un carpinteiro entendido,
despois de talar un tronco,
doado de traballar,
descáscao con xeito por enteiro,
e, manexando a súa arte como convén,
prepara un trebello útil
para as necesidades da vida.
12Os residuos do seu traballo
emprégaos en preparar a comida
e fartarse.
13O que aínda resta,
que para nada xa non serve,
unha torada retorta e chea de nós,
cóllea e vaina labrando
para se distraer nas horas de folganza;
coa experiencia e sen esforzo
vaina modelando
e aseméllaa a unha imaxe humana,
14ou faina parecida a un vulgar animal;
dálle unha man de minio,
vernízalle de vermello a superficie
e repinta todas as chatas.
15Fabrícalle entón unha peaña ao xeito
e colócaa no muro,
asegurándoa cun ferro;
16ten esta previsión para que non caia
pois ben sabe que de seu
non se pode valer:
non é máis ca unha efixie,
e cómprelle esa axuda.
17E, así e todo,
ao rogarlle polos seus bens,
por unha voda ou polos fillos,
non se avergonza
de se dirixir a un ser inanimado!
E implora a saúde do que é feble,
18pídelle vida a un morto,
prégalle axuda ao máis inerme,
e unha feliz viaxe
a quen non pode nin mover os pés.
19Polos seus negocios,
empresas e sorte nos traballos
vaille pedir excelencia
ao ser de mans máis torpes.

**14** 1Outro, pola súa banda,
aparellando para se facer ao mar
e percorrer as encrechadas ondas,
invoca a un madeiro máis fráxil
que a barca que o leva;
2pois a esta proxectouna
a cobiza da ganancia,
e foi a habelencia artesanal
quen a construíu.

**13**, 6-9 O sabio ten, así e todo, comprensión e simpatía por estes filósofos (vv. 6-7) probablemente de influxo estoico; a súa carraxe diríxese máis forte en contra de formas máis primitivas de idolatría (cf **13**, 10; **15**, 14); e afirma a súa culpabilidade (vv. 8 e 9): se chegan a un deus cósmico, un logos ou demiurgo, como non chegan ao Señor Creador?

**13**, 10ss A segunda parte (incluíndo tamén a conclusión: **13**, 10-**15**, 17) é a máis longa e a central do tratado: unha sátira de coidada estrutura e tema tradicional contra os ídolos feitos por man de home ( cf Sal **113**, 15-18; **115**, 4-8; Is **40**, 19-20; **44**, 9-20; **46**, 1-7; Xer **10**, 2-15 e Dt, Os, etc.).

**13**, 10 O autor ten á vista non xa os filósofos, senón a grande masa de adoradores de ídolos de todo xeito e fabricación, sexan obra do gremio de imaxineiros, estatuas dos artistas, ou quizais pirámides (*pedra, de man antiga*), aos que declara inútiles: incapaces de operar, polo tanto inexistentes.

**13**, 11-19 O caso do carpinteiro segue o xénero literario e oratorio grego da "redución ao ridículo" (tapéinosis), empregando vocabulario e motivos tirados de Is **44**, 9-20.

**13**, 15-16 *A peaña* xa aparecía aludida en Is **40**, 18-20.

**13**, 17-**14**, 2 Estes vv. van dedicados aos adoradores dun tal deus. O sabio está a pensar na crenza popular, que identificaba ídolos e deuses.

**13**, 17-19 A serie de oposicións xa era típica dos salmistas (Sal **115**, 4-7) e da Carta Xer (vv. 7-28), na que moi ben puido inspirarse.

**14**, 1-2 O caso da pregaria dos mariñeiros ao deus protector que gregos e romanos levaban na proa da nave, serve para contrapoñer de novo a admiración do sabio pola pericia artesanal e técnica á necidade da superstición.

**Transición: a providencia paternal de Deus**

[3]Mais é a túa providencia, oh Pai,
quen a goberna,
pois puxeches un camiño no mar
e un vieiro seguro por entre as ondas,
[4]demostrando que podes salvar
de todo perigo,
de xeito que aínda sen coñecer a arte,
pode calquera embarcar.
[5]Ti non queres que queden inservibles
as obras da túa sabedoría
e por iso os homes fían as súas existencias
ata nun madeiro fraxilísimo,
atravesan as marusías nunha balsa,
e arriban sans.

[6]E así, nos comezos,
cando pereceron os soberbios xigantes,
a esperanza do universo,
fuxindo nunha barca
e gobernada pola túa man,
transmitiu ao mundo
a semente da xeración.
[7]Benia o madeiro
polo que foi realizada a xustiza!
[8]Mais, malia o ídolo feito a man
e tamén quen o fixo!
Este por fabricalo,
aquel porque, sendo corruptible,
foi chamado deus.
[9]Porque para Deus son por igual odiosos
o impío e a súa impiedade
[10]e serán, en consecuencia,
castigados a obra e quen a fabricou.
[11]Polo tanto hánselles tamén
de pedir contas aos ídolos dos xentís
xa que, de entre as criaturas de Deus,
convertéronse en obxecto de abominación,
en tropezo para as almas dos homes
e en trapela para os pés dos insensatos.

**Orixe da idolatría**

[12]A idea de facer ídolos
foi o comezo da inmoralidade
e o seu invento
trouxo a corrupción da vida,
[13]pois ao principio non os había,
nin han existir para sempre;
[14]viñeron ao mundo
pola superficialidade dos homes
e por esa razón
estalles decretado un final súbito.

[15]Un pai amargado por un loito prematuro
fai unha imaxe do fillo
malogrado tan cedo,
e a quen hai pouco
era un ser humano morto
dálle agora honra como a un deus,
impondo aos seus subordinados
misterios e iniciacións.
[16]Despois, co tempo,
afírmase ese impío costume
e vén ser observado como lei.

Tamén por mandados dos tiranos
adóranse esculturas:
[17]Ao non poder a xente
honralos de presente, por habitaren lonxe,
reproducindo a remota aparencia,
confeccionaron unha imaxe visible
do rei venerado
para agasallaren deste hábil xeito
ao ausente como presente.
[18]A emulación do artista
estimulou a difusión do culto
aínda entre os que non o coñecían,
[19]pois desexando quizais
compracer ao poderoso,
forzou con artificio a copia
tirándoo favorecido;

**14**, 3 *A providencia*, termo abstracto de sabor estoico ("pronoia") é corrixida da súa posible lectura materialista coa referencia ao Deus paterno que xa apareceu en **2**, 16. 18 como nome dado a Deus polo xusto. *O camiño no mar* leuno o autor no libro de Isaías, que está a manexar en todo o tratado (cf Is **43**, 16).
**14**, 4 Alusión a Noé.
**14**, 5a Aquí atopamos a única cita da sabedoría divina en toda a segunda parte do libro (cf **7**, 22; **8**, 6).
**14**, 6 A referencia aos *comezos* e aos *xigantes* retráenos á outra constante lectura do autor, a Xénese (cf Xén **6**, 1. 4) e en concreto á figura de Noé (cf Xén **7**, 23; **9**, 19; **10**, 30), no que o sabio, como sucedía nos midraxim da súa época, contempla unha especie de segundo Adam ou nova orixe da humanidade.
**14**, 7 Foi empregado polos Santos Padres como referido á Cruz de Cristo.
**14**, 12 *Inmoralidade* traduce a verba grega "porneia", de seu, adulterio ou, por afinidade, fornicación, coa que se apunta tanto á idolatría (a verba chegou a ter este contido nos profetas: infidelidade a Iavé), como á dexeneración moral.
**14**, 14 *Superficialidade* (kenodoxia) inclúe os matices de vaidade e tolemia.
**14**, 15 Exemplos de "culto ao home". Iniciacións idolátricas deseguido da morte dun fillo ben querido (vv. 15-16a). A forma é a dos "misterios e iniciacións" (cf v. 15d e 23a). O autor lembra con esas verbas técnicas o gran número de cultos do arcano con prácticas iniciáticas e asociacións secretas que proliferaron no mundo heléniico e en Roma (ritos dionisíacos, de Isis, Mitra, Eleusis, órficos, etc.).
**14**, 16b-20 Segundo exemplo: divinización dos tiranos.

[20]e a xente, atraída polo engado da obra,
considera agora digno de culto
a quen había pouco respectaba
como home.
[21]Isto todo resultou un engano
para os viventes,
xa que os homes, escravizándose
á calamidade ou á tiranía,
chegaron a impor ás pedras
e aos madeiros o nome incomunicable.

**Consecuencias da idolatría**

[22]Deseguido, non lles abondou
o erraren no coñecemento de Deus,
senón que, mergullados
na inxente loita da ignorancia,
aclaman tamaños males co nome de paz.
[23]Celebrando iniciacións infanticidas
ou misterios arcanos
ou as esmorgas furibundas de ritos alleos,
[24]xa non respectan o decoro
da vida e do matrimonio
senón que os uns aos outros
se suprimen en emboscadas
ou se fan sufrir con adulterios.
[25]Un caos de sangue e crime éncheo todo;
roubo e fraude, corrupción,
infidelidade, revolta e perxurio,
[26]confusión dos bos,
esquecemento dos favores,
degradación das almas,
inversión dos sexos,
desorde nos matrimonios,
adulterio e impudor.
[27]Pois a veneración
dos ídolos innomeables
é orixe, causa e termo de todo mal:
[28]porque ou se volven tolos
ao se divertiren,
ou profetizan en falso,
ou viven na inxustiza,
ou perxuran á lixeira.
[29]Ao poren a fe en ídolos sen vida
non recean de ser condenados
por xurar en falso.
[30]Mais por entrambos motivos
vailles chegar o merecido:
por pensaren mal de Deus,
dándose aos ídolos,
e por xuraren inxusta e falsamente
desacatando a Santidade:
[31]pois non é o poder
daqueles polos que xuran,
senón a xustiza contra os pecadores.

**Transición: pregaria a Deus**

**15** [1]Mais ti, Deus noso, es bo e fiel,
de grande paciencia e gobernas
con clemencia o universo.
[2]Aínda que pequemos, somos teus,
conscientes do teu dominio,
mais non habemos pecar,
sabendo que nos consideras do teu grupo.
[3]Pois o saber de ti é a xustiza perfecta,
e o coñecer o teu poder
é a raiceira da inmortalidade.
[4]Non nos extraviou
a fraudulenta invención dos homes
nin o esforzo estéril dos pintores,
figuras recubertas de cores variadas;
[5]a súa visión incita a paixón dos coitados
ata anhelaren a aparencia exánime
dunha imaxe morta.
[6]Namorados do mal,
dignos de tales esperanzas
son os que as fan, os que as desexan
e os que as veneran!

**Os ídolos de barro**

[7]Un oleiro,
amasando con esforzo arxila mol,
modela para o noso uso
diversos cacharros;
mais coa mesma lama dálles forma

**14**, 21 Os resultados prácticos desta actitude quedan recollidos a modo de tese nos vv. 21ss (cf Núm **25**; Rm **1**, 24-32).
**14**, 22 Os *males* disfrazados de *paz* maniféstanse en liortas e vicios.
**14**, 23-26 Glosan en 22 membros (número do "alefato" alfabeto hebreo, símbolo de totalidade) a degradación dos adoradores de ídolos. Cita lugares tópicos dos "Catálogos de vicios" empregados polos filósofos gregos itinerantes (cf os "catálogos" recollidos no N. T.: Rm **1**, 24-32; 1 Cor **5**, 9-11; **6**, 9s; 2 Cor **12**, 20; Gál **5**, 19-23; Col **3**, 5-8; 1 Tim **1**, 9s).
**14**, 27 Os ídolos son *innomeables* non porque estea prohibido dicir o seu nome, senón porque non son nada, non poden recibir un nome.
**14**, 29-30 Os idólatras xuran en falso porque, segundo o autor, de feito non cren nos deuses (v. 29); o que non os libra de pecar contra a *Santidade*, (Deus: v. 30c), e fai que a "xustiza" (retribución do mal neste caso) os persiga sempre (v. 31b).
**15**, 1 Os catro atributos de Deus xuntan predicados divinos tirados de Éx **34**, 6-7 ao estoico "goberno do mundo" (o "logos" estoico é a alma do cosmos, e goberna, inmanente, ao universo).
**15**, 7-13 O xuízo do sabio é máis duro ca contra o carpinteiro, pois o oleiro sabe da fraxilidade da súa obra, e non traballa por pasar o tempo, senón por sórdido mercantilismo. A figura de oleiro é tradicional na Biblia, ben para describir o obrar de Deus e a fraxilidade humana (Xén **2**, 7; **3**, 19), ben para ilustrar a dependencia de Deus (Is **64**, 7; Xer **18**, 2-6). Isto axuda a marcar o contraste e o paradoxo sinalado no v. 8, no que se fala de *empréstito da alma*, nunha expresión que aproxima a idea da preexistencia ou creación anticipada da alma con respecto ao corpo, aludida en **8**, 19ss.

ás olas que serven para usos nobres
e para os contrarios,
todo do mesmo xeito;
e quen xulga do emprego
que terán uns e outros é o oleiro.
[8]Despois, traballo perverso,
forma da mesma arxila un deus falso
que, nado hai pouco da terra,
pronto volverá alí de onde o tiraron
coa obriga de dar conta do empréstito
da súa alma;
[9]e, así e todo, non o preocupa
o ter que morrer
nin que a súa vida sexa breve,
senón o competir con alfaiates e prateiros
imitando aos fundidores
e gabándose de modelar quincalla.
[10]A súa conciencia é borrallenta;
a súa esperanza, máis vil que a terra;
a súa vida vale menos que a lama,
[11]pois non recoñeceu a Aquel
que o plasmou
nin a quen lle inspirou
unha alma operativa
e lle infundiu un espírito vital.
[12]Pola contra,
coida que o noso existir é un xogo
e a nosa vida unha feira onde gañar:
"Cómpre tirar proveito do que sexa
–di el– mesmo do mal".
[13]Este, mellor ca os outros, sabe que peca
fabricando do material de terra
fráxiles olas e mais ídolos.

### O ridículo dos exipcios

[14]E con todo, os máis insensatos,
máis infelices que a alma dun neno,
foron os inimigos do teu pobo,
os que o tiranizaron.
[15]Pois tiveron por deuses
a todos os ídolos das nacións
que nin poden usar dos ollos para ver,
nin do nariz para aspirar o aire,
nin dos oídos para oíren,
nin dos dedos das mans para apalparen,
nin lles serven os pés para camiñar,
[16]pois son feitura humana
e moldeounos
un ser de alento emprestado:
o home non pode formar un deus
nin semellante a si.
[17]Sendo mortal,
produce con mans inicuas un ser morto,
el, que é de máis valer
ca todo o que venera,
pois el está vivo por certo,
e aqueles non endexamais.

### Prosegue o contraste: os paspallás

[18]E por riba, adoran
os animais máis repugnantes,
os que, en comparanza cos outros,
son os peores;
[19]non hai nada neles que os volva atraentes
–como ás veces ocorre
ao ollar para os animais–,
pois os tales ficaron excluídos
da loanza de Deus e da súa bendición.

**16** [1]Por iso foron xustamente castigados
por seres semellantes,
atormentados dunha praga de bechos.
[2]En troques, ao teu pobo,
en lugar de castigalo, favorecíchelo
preparando como xantar
para o seu apetito ardente
un alimento extraordinario: os paspallás!
[3]De sorte que, mentres aqueles,
aínda que esfameados,
perdían o apetito do máis necesario
polo noxo que lles daban os bechos
que lles mandaches,
estes, despois de pasaren privacións
por pouco tempo,
gustaron o sabor dun xantar delicioso:
[4]pois cumpría que a tales opresores
lles sobreviñese unha carestía insoluble
e a estes soamente se lles indicase
como eran atormentados os seus inimigos.

### Digresión: o castigo das serpes, unha instrución divina

[5]En efecto, cando se abateu contra eles
a terrible carraxe das feras
e perecían coas picaduras

**15**, 11 Non propón unha tricotomía corpo-alma-espírito, senón que, co v. 11c en paralelo sinonímico, identifica o principio activo da vida (alma operativa) co "espírito vital" de Xén **2**, 7. Este v. pode constituír unha proba da ambivalencia e desexo de ortodoxia que xongue conceptos de psicoloxía platónica e fidelidade á antropoloxía bíblica (compárense de novo **8**, 19ss e **15**, 8 con este v.).
**15**, 14-17 Os aludidos son sen dúbida os contemporáneos do autor. Exipto, como outros países helenísticos, foi asento do sincretismo máis inxenuo. O autor ridiculízao con fraseoloxía tradicional tirada dos Salmos (cf **115**, 4ss; **135**, 15ss), amais da Carta Xer.
**15**, 18ss Prosegue aínda (**15**, 18-**16**, 4) o contraste segundo, que quedara en **11**, 15-16 e **12**, 23-27.
**16**, 2 O motivo dos *paspallás* (cf Éx **16**, 2-13; Núm **11**, 10-32) vai idealizado sen ter en conta as murmuracións dos israelitas nin a carraxe de Iavé (Núm **11**, 33-34).
**16**, 5-15 O autor sae ao paso dun posible argumento en contra: o castigo das serpes no deserto contra os israelitas. Israel sufriu o castigo das serpes (cf Núm **21**, 6-9), mais foi a modo de advertencia e instrución.

das retortas cóbregas,
non mantiveches ata a fin a túa ira.
[6]Por un momento espantáchelos
para que ficasen avisados,
mais tiñan un sinal de salvación
en lembranza do mandado da túa lei;
[7]e quen volvía cara a ela era salvo
non pola forza do contemplado,
senón por ti, salvador de todos.
[8]Deste xeito convenciches
os nosos inimigos
de seres ti quen libera de todo mal.
[9]A eles matáronos as picaduras
dos saltóns e das moscas
e non houbo remedio para as súas vidas:
tiñan merecido o seren castigados
por tales bechos;
[10]mais cos teus fillos non puideron
nin os dentes das cóbregas pezoñosas,
pois valeulles para salvalos
a túa misericordia;
[11]eran aguilloados
para se lembraren das túas verbas,
e salvados deseguido,
de xeito que non caesen
nun profundo esquecemento
e para se manteren atentos
aos teus beneficios,
[12]xa que non foi herba nin emplasto
o que os sandou,
senón, Señor, a túa verba que todo o cura.
[13]Pois ti dispós da vida e mais da morte,
fas baixar ata as portas do Hades e retornar.
[14]O home, ben certo,
pode matar pola súa maldade,
mais unha vez fuxido o espírito
non é quen de facelo volver
nin de ceibar unha alma xa encadeada.

### Terceiro contraste: maná en lugar da treboada

[15]Fuxir da túa man non é posible
[16]e os impíos que negaron coñecerte
foron fustrigados polo teu potente brazo,
perseguidos por estrañas chuvias,
sarabiadas e trombas sen parada
e aniquilados polo lume.
[17]E o máis extraordinario
foi que, na auga, que o apaga todo,
o lume alampaba máis forte.
[18]Ás veces esmorecía a chama
para non queimar os animais
enviados contra os impíos
e para que eles se decatasen, ao velo,
de seren perseguidos polo xuízo de Deus;
[19]outras veces ardía no medio da auga
con máis virtude ca o lume
para destruír os produtos
dunha terra inicua.
[20]Ao teu pobo, con todo,
alimentáchelo cun manxar de anxos
e distribuíchesllе sen esforzo
un pan xa preparado desde o ceo
que contiña todos os sabores gorentosos,
axeitándose ao gusto de cadaquén.
[21]Este sustento revelaba
a túa dozura cos teus fillos
xa que, axeitándose ao degoiro
de quen o recollía,
trocábase naquilo que cadaquén anhelaba.
[22]A neve e mais o xeo
resistían o lume e non se derretían
para se decataren eles de que o lume
consumía os froitos dos inimigos,
ardendo entre a sarabia
e lostregando por medio dos chuvascos,
[23]mentres que, noutra ocasión,
para se alimentaren os xustos,
chegou a esquecer a propia virtude.
[24]Porque a creación, servíndote a ti,
o seu facedor,
é rexa cando castiga os malvados,
mais amolece para facer ben
aos que en ti confían;
[25]por tal razón, daquela,
transformándose en moitas cousas
púxose ao servizo da túa xenerosidade,
que a todos nutre
de acordo coa arela dos necesitados,
[26]para que os teus fillos, Señor,
os que tanto amas, aprendesen
que non é a variedade de froitos
a que alimenta ao home,
senón a túa palabra
que conserva os que en ti cren.
[27]Pois o que non era consumido polo lume
derretíase logo coa calor
dunha lene raiola do sol,

**16**, 6 Referencia á serpe de bronce (Núm **21**, 9), mais de pasada, polo perigo de culto idolátrico que chegou a significar (2 Re **18**, 4); de feito o autor chámao *sinal* (symbolon), e non "imaxe".
**16**, 20 Famoso pola súa utilización na liturxia eucarística cristiá (cf Xn **6**, 31-58), aglomera datos de Éx **16** e Núm **11**, e mais expresións tiradas dos Sal **78**, 25 e **105**, 40; da lenda rabínica recóllese o motivo da multitude de sabores do maná (Éx **16**, 31 e Núm **11**, 8 aludían só a sabores máis reais: mel, galleta).
**16**, 22 *A neve* e *o xeo* empregan motivos saídos da tradución grega de textos como Éx **16**, 14 e Núm **11**, 7, para ilustrar os estraños efectos dos elementos da natureza.

[28]para que fose patente
que cómpre erguerse antes do sol
para darche as grazas,
e conversar contigo antes do abrente,
[29]pois a esperanza do ingrato
esvaece coma a xeada da invernía
e esvara coma auga inútil.

**Cuarto contraste: columna de lume en lugar das tebras**

**17** [1]Grandes e inexplicables
son os teus xuízos,
por iso as almas indóciles erraron.
[2]Cando homes impíos teimaron
poder oprimir a nación santa,
xacían encadeados nas tebras
e prisioneiros dunha longa noite,
pechados baixo os seus teitos,
fuxitivos da eterna providencia;
[3]coidando que ficaban escondidos
os seus pecados secretos
baixo do mesto veo do esquecemento,
foron espantados,
terriblemente arrepiados,
conturbados por alucinacións,
[4]pois nin o tobo que os acollía
os defendeu do pavor:
rebumbios temerosos
bruaban ao seu arredor
e aparecíanlles pantasmas tristeiras
de facianas tétricas.
[5]Non houbo lume ningún
que os puidese alumar;
nin as brillantes labaradas dos astros
foron tales de iluminar aquela fusca noite.
[6]Soamente se lles amosaba
unha fogueira arrepiante, acesa de seu;
e abraiados ao esvaecer aquela visión,
coidaban que o que viran
fora aínda peor do que era.
[7]As ilusións da arte máxica
caían fracasadas
e foi vergoñento o descrédito
da súa fachendosa ciencia,
[8]pois aqueles que se daban aires
de poder afastar os medos
e as turbacións dun espírito doente,
eles mesmos sufrían un temor ridículo,
[9]xa que o mesmo suposto
que non os espantase cousa temible,
aterrados polo paso das bestas
e os asubíos das cóbregas,
[10]morrían de pavor estarrecidos,
refugando mesmo ollar
para o aire que non podían evitar.
[11]Pois a malicia é covarde de seu,
e niso dá testemuño contra si:
acurralada pola conciencia,
presupón sempre o peor.
[12]O medo, en efecto, non é senón
o desamparo das axudas da reflexión.
[13]Canto máis pequena
é a esperanza interior,
meirande semella a razón ignorada
do tormento.
[14]Así, naquela noite
verdadeiramente impotente,
xurdida das entrañas do abismo estéril,
mentres durmían todos o mesmo sono,
[15]en parte eran abouxados
por pantasmas monstruosas,
en parte ficaban tolleitos
polo abatemento da alma
ao se sentiren invadidos
por un medo súbito e impensado:
[16]de xeito que, quenquera que alí caese
quedaba aferrollado,
pechado coma nun cárcere sen cadeas;
[17]fose labrego ou pastor,
ou obreiro que traballa por si,
sorprendido,
tiña que soportar o fado ineludible,
[18]pois todos ficaban atados
pola cadea das tebras.
O zoar do vento,
o rechouchío melódico dos paxaros
nas mestas silveiras,
o balbordo das augas
baixando impetuosas,
[19]o rouco estrondo das rochas
que se esfragan,
o correr invisible de bestas desbandadas,
o bruar das feras máis salvaxes,
o eco a retumbar
nas fouces das montañas,
todo os paralizaba estarrecidos.
[20]E mentres o mundo todo relampaba
cunha luz brillante

**16**, 28 Referencia á recitación do credo bíblico, a "Xemá" (Dt **6**, 4), á primeira hora da mañá, uso comprobado xa nas comunidades esenias e recollido na Mixnah.
**17**, 2-3 A escuridade moral dos *pecados secretos* (cultos de iniciación?) leva emparellada a escuridade física; esta vén exposta en longos trazos nos vv 4-21 con soltura dramática e facendo insistencia nos efectos psicolóxicos da tebra: o medo...
**17**, 4 Refire a Éx **7**, 8 e **9**, 11; o v. 5 glosa Éx **10**, 23.
**17**, 6 A linguaxe fantasmal recorda a importancia das artes máxicas dos exipcios (Éx **7**, 11. 22; **8**, 7; **9**, 11).
**17**, 11 Aparece por vez primeira a verba *conciencia* (syneidesis) nun sentido moral, non só psicolóxico.
**17**, 20-21 Con palabras tiradas da tradición sálmica (Sal **104**), o sabio volta ás contraposicións, aludindo apocalipticamente á tebra do xeol e á escuridade da conciencia.

dedicándose sen tropezos ás súas tarefas,
21soamente sobre eles premía
unha noite abafante,
imaxe da tebra que estaba para envolvelos.
E así eran eles para si mesmos
máis pesados que as tebras.

**18** 1Para os teus santos, en troques,
xurdía a suma luz;
os outros, ao escoitar a voz
sen ollar a figura,
dábanlles parabéns
por non teren sufrido coma eles;
2agradecíanlles que,
sendo antes ofendidos, non se vingasen,
e rogaban o perdón por teren sido hostís.
3Por outra banda
proporcionaches aos teus
unha columna flamexante,
guieiro nun camiño non sabido
e sol inofensivo dunha emigración sonada.
4Os outros eran en verdade merecentes
de seren privados da luz
e prisioneiros das tebras,
pois mantiveran encadeados
aos teus fillos,
por medio dos que se ía conceder
ás idades a luz incorruptible da túa lei.

**Quinto contraste:**
**liberación do pobo de Deus en lugar da morte dos primoxénitos exipcios. A noite da liberación**

5Cando deron en matar
os nenos dos santos
–só un pequeno expósito foi salvado–,
arrebatáchesIles en castigo
unha multitude de meniños
e fixéchelos perecer por xunto
nas augas impetuosas.
6Aquela noite fóralles
anunciada de antemán a nosos pais,
de modo que, sabendo de certo
a que promesas deran creto,
se sentisen fortes.
7O teu pobo estaba xa á espera
da salvación dos xustos
e do exterminio dos inimigos;
8co mesmo feito
co que castigabas os adversarios
déchesnos sona convocándonos a ti.

9Ás agachadas facían sacrificios
os piadosos fillos dos xustos
e, postos de acordo,
impuxeron esta divina lei:
que os santos compartisen
por xunto os bens e os perigos
–ao tempo que xa entoaban
os himnos dos antepasados–.
10Facíalles eco
o discorde clamor dos inimigos,
ao difundirse o lúgubre laio
polos fillos chorados;
11con pena semellante
eran castigados o escravo e mais o amo,
e tanto padecían o paisano coma o rei.
12Todos por igual
e co mesmo xénero de morte
contaban defuntos sen número
e os vivos non daban feito a soterralos
xa que nun momento se consumira
o mellor da súa caste.
13Así os que de seu non crían,
por mor dos feitizos
e ante o exterminio dos primoxénitos,
tiveron que confesar
que aquel pobo era fillo de Deus.

14Pois, cando un silencio mainiño
o envolvía todo
e a noite ía mediada na súa pronta carreira,
15volcouse a túa verba omnipotente
desde o ceo, o teu trono real,
como guerreiro inexorable,
botándose no medio dun país
consagrado ao exterminio.
16Levaba como espada afiada
o teu decreto irrevogable;
erguéndose, encheuno todo de morte,
tocaba no ceo

**18**, 1-4 *A luz dos santos* (cf Éx **10**, 23), comentada con amplificacións libres, convértese en presenza providencial de Deus (cf Éx **13**, 2-22; **14**, 24; coa mención da nube).
**18**, 4 Xogando coa idea contemporánea do autor, da misión universal dos israelitas, os xudeus crentes, nun mundo de tebras idolátricas, son os mediadores futuros dunha tarefa a prol da xustiza: levar a lei, luz inmorredoira (cf Tob **14**, 6; Sal **19**, 9; Is **2**, 2-5) a todos os pobos.
**18**, 5-19 A *noite* da liberación traída por Deus. *Os nenos dos santos* (“nepioi”, v. 5), *os fillos dos xustos*, dos bos (“paides”, v. 9) descóbrense como “fillos de Deus” en canto pobo (“huiós”, v. 13). Esa *noite* é xa nos vv. 6 e 9 a “noite da liturxia pascual”, como o confirma a alusión velada á recitación do Hallel (Sal **113-118**) no v. 9e.

**18**, 14-19 A Palabra de Deus personificada é un dos conceptos dinámicos que, como os de Espírito ou Sabedoría, substitúen o obrar directo da divindade, para salvagardar a súa transcendencia (cf Pr **8**; Is **55**, 10-11). A súa orixe é celeste (v. 15a; cf **9**, 4. 10) e a súa tarefa, semellante á do anxo exterminador (cf 1 Cro **21**, 16). No contexto a Palabra acada un nivel de actividade independente que, como o da Sabedoría neste libro, prepara os pasos para unha reflexión como a do evanxeo de Xoán. A figura da espada do xuízo (v. 16) podería estar máis adiante no fondo de Ap **9**, 11ss. Os Padres da Igrexa non dubidaron en facer destes vv. unha nova lectura libre aplicada á encarnación; e a liturxia cristiá desde o s. II así os empregou.

mentres camiñaba sobre a terra.
17Entón foi cando de súpeto
os conmoveron pesadelos terribles
e apoderáronse deles temores impensados;
18deitados acó e aló por terra,
medios mortos,
daban testemuño de cal era a causa
da súa morte,
19pois os soños que os axitaran
xa os amoestaban,
de xeito que non perecesen sen saberen
o motivo daquel mal que sufrían.

**Digresión: expiación e purificación**

20Tamén aos xustos lles chegou
a proba da morte,
e houbo no deserto grande mortaldade;
con todo, a carraxe
non durou moito tempo,
21xa que un home sen chata
loitou na primeira liña
coas armas do seu ministerio:
a oración e o incenso da expiación.
Opúxose á carraxe e deu remate á desfeita
demostrando ser ministro teu.
22Venceu aquela ira,
non coa forza do corpo,
nin co pulo das armas;
mais coa palabra
desarmou ao que castigaba,
relembrando os xuramentos
e os pactos feitos cos devanceiros.
23Cando xa os cadáveres
se amoreaban uns por riba doutros,
erguéndose no medio, contivo a carraxe
coutándolle o camiño ata os vivos.
24Pois sobre a súa veste talar
estaba todo o universo
e as glorias dos devanceiros
na cuádrupla ringleira de pedras preciosas,
e a túa maxestade
no diadema da súa cabeza.
25Ante tales obxectos retrocedeu
o exterminador cheo de respecto,
pois xa abondaba
co mero amosar da túa ira.

**O paso do mar Vermello**

**19** 1Mais sobre os impíos abateuse
ata a fin un furor desapiadado,
pois Deus previa o seu futuro proceder:
2que, despois de deixalos partir
e despedilos con présa,
cambiando de parecer, perseguiríanos.
3Aínda, en efecto,
ocupados en facer o pranto e laiándose
a carón das covas dos defuntos,
decidiron outro proxecto insensato:
perseguir coma fuxitivos
aos que forzaran a saír con rogos.
4Ata tal punto os arrastrou
o fado merecido
facéndoos esquecer o pasado,
para que enchese a medida do castigo
que faltaba ás súas coitas.
5E en tanto que o teu pobo descubría
unha etapa insospeitada,
eles pola súa banda
atoparon unha estraña morte.

**Dimensión cósmica da liberación**

6Porque a creación enteira,
cumprindo os teus mandados,
trocouse de novo no seu propio natural
para que os teus fillos
fosen conservados salvos;
7apareceu a nube
sombreando o campamento,
xurdiu terra enxoita
do que antes fora auga:
un vieiro practicable no mar Vermello,
verdecente campía,
do que fora marusía forte.
8Por alí foron pasando, mesto pobo,
os que ti protexías coa túa man,
ollando formidables prodixios,
9apacentados coma poldros,
choutando coma años,
e loándote a ti, Señor, que os ceibaras.
10Relembrábanse aínda
do que lles acontecera no exilio:
como en troques de criar animais,
a terra producira mosquitos,

**18**, 20-25 Dá unha versión de expiación e purificación ao incidente de Coré e compañeiros no deserto (Núm **16**), salientando a función intercesora do sumo sacerdote Aharón (Núm **17**, 6-15).
**19**, 1-5 O suceso do mar Vermello (Éx **14**, 5-31), citado xa en **18**, 5. A base escriturística do comentado é Éx **12**, 31-33. 39.
**19**, 4 *O fado* non é o destino fatal grego, senón un efecto do *proxecto insensato* (v. 3c), ao modo da lei da retribución mecánica do mundo sapiencial; é tamén un "encher a medida" (cf **12**, 26; **14**, 31) predisposta por Deus (idea apocalíptica como a da determinación das idades en Dn).
**19**, 6-21 A intención do sabio é a de levar os efectos escatolóxicos da liberación do Éxodo ata a dimensión cósmica. A creación, segundo el, ao colaborar no Éxodo por medio dos portentos, saíu reformada, é unha "nova creación". (O procedemento seguido polo autor consiste nun comentario libre dos cc. **1-2** da Xén e dos sucesos relatados en Éx **8** e **14**). Esta constatación fai que o autor estale nunha das poucas pasaxes nas que se deixa levar do entusiasmo (vv. 8-9) empregando motivos hímnicos para amosar a ledicia non contida.
**19**, 10 A reprodución dos bechos como saídos da terra (v. 10b) leuna en Xén **1**, 20-25.

como en lugar de peixes,
o río librou moreas de ras.
[11]Máis adiante ollaron
un novo nacer das aves
cando, devecendo de fame,
demandaron un manxar escolleito,
[12]pois para deixalos fartos
alzáronse do mar os paspallás.

**Excursus: castigo de Sodoma**

[13]Aos pecadores, non obstante,
sobreviñéranlles castigos,
non sen os signos precursores
de lóstregos violentos.
E xustamente sufriron
polas súas propias culpas,
por odiaren tan duramente
aos estranxeiros:
[14]Uns non acolleron
os descoñecidos ao chegaren;
os outros escravizaron
os hóspedes benfeitores.
[15]E non soamente isto.
Mais que conta se lles ha demandar?
Pois se aqueles recibiron
hostilmente os estranxeiros,
[16]estes, despois de agasallalos con festas
e cando xa participaban
dos mesmos dereitos,
maltratáronos con rudos traballos.
[17]Feriunos xuntamente a cegueira
–do mesmo modo que a aqueles outros
á porta do xusto–
cando, envoltos na pecha escuridade,
cadaquén buscaba apalpando
a entrada da súa porta.

**Prosegue o tema da liberación cósmica**

[18]Os elementos intercambiábanse entre eles
como as notas da arpa
poden mudar o ritmo
mantendo o mesmo ton.
Pódese tal deducir exactamente
dando unha ollada aos feitos:
[19]Os animais terrestres
trocábanse en acuáticos,
os que nadan camiñaban pola terra,
[20]o lume mantiña a súa forza na auga
e a auga esquecía a súa virtude de apagar.
[21]Pola contra, as labaradas non consumían
as carnes dos febles animais
que camiñaban por medio delas,
nin desfacían aquel xénero
de manxar celeste
semellante á xeada,
tan doado de derreter.

**Confesión conclusiva**

[22]Abofé, Señor, que de todo xeito
engrandeciches
e glorificaches o teu pobo,
e non te desleixaches,
manténdote ao seu carón
en todo tempo e lugar.

**19**, 13-17 Estes vv. son unha unidade que rompe, en parte, o tema creacional, mais non por iso é estraña ao proceder homilético e ao sistema midráxico de lectura da Biblia do autor. Conforme ao seu sistema, non cita nomes: no v. 14 "uns" son os exipcios ao chegar os patriarcas (Xén **39**ss), "os outros" son os anxos hóspedes de Lot en Xén **19**. De novo alude aos sodomitas no v. 15b e aos exipcios de Éx **1** no v. 16.

**19**, 18 Supón un intento de racionalizar, para un público grego, os milagres cósmicos da Biblia (cousa que fará máis devagar Filón); con tal obxecto acode á comparanza pitagórica e platónica da harmonía dos elementos como harmonía musical: seguen cumprindo a súa finalidade harmónica no cosmos, aínda que cambien de tarefa.

**19**, 19-21 O v. 19a pode referirse ao paso do gando dos hebreos polo mar (Éx **12**, 38); o v. 19b refírese á praga das ras de Éx **8**, 1-7; e o v. 21c fai do maná unha "ambrosía", manxar dos deuses no Olimpo.

**19**, 22 Toda a historia da liberación tiña un obxecto: a glorificación do pobo; e unha causa: a presenza providencial e liberadora de Deus. Con esta confesión-apóstrofe case sálmica, que intenta poñer alicerces a unha actitude esperanzada, péchase a homilía, e con ela a obra.

E así e todo o final tan breve e sen peroración retórica semella un pouco rudo e fai a impresión de deixar o texto dalgunha maneira incompleto. A razón pódese buscar, non tanto nunha perda de parte do texto, conforme algúns comentadores, senón na disposición numérica das seccións, debida á ensarillada e artificiosa construción feita polo redactor, que traballaba literalmente sobre un texto previo, orixinalmente composto como homilía para ser lida.

# INTRODUCIÓN AO ECLESIÁSTICO

## 1. A sabedoría de Sírah, libro empregado na Igrexa católica para camiñar pola senda do ben

*O "derradeiro en chegar a velar" (**33**, 16) de entre os autores que deron á sabedoría palestina o seu sobranceiro carácter instrutivo e doutrinal, é un bo e sabido burgués de Xerusalén: Xesús, fillo de Sírah (como reza o epígrafe do libro), ou ben Xesús, fillo de Elazar, fillo de Sírah (**50**, 27). Con todo, o título do libro que acadou un meirande espallamento, case que xeral en toda a tradición cristiá, non foi tanto o de "Sabedoría de Ben Sírah", canto outro: o* Eclesiástico. *Dábaselles o nome de "Ecclesiasticus" (testemuñado xa na Vetus Latina, a máis antiga versión ao latín da Biblia, dos séculos II e III d. C.) a aqueles libros que eran lidos na Igrexa por motivos morais ou pedagóxicos, fundamentalmente no catecumenado, aínda que non estivesen daquela acollidos no canon das Escrituras Sagradas.*

*E de feito o proceso da aceptación do "Ben Sírah" no canon foi obxecto de vacilacións e revisións. Rexeitado polos rabinos no Sínodo de Iamnia, do ano 90 d. C., por máis que despois fose citado nos Midraxim e na Mixnah, a Igrexa antiga tivo algúns reparos e dúbidas en admitilo como algo máis ca un libro edificante.*

*Parte non pequena desta actitude (defendida polo propio san Xerome, que non fixo del tradución nova), débese á circunstancia de se conservar e coñecer só a versión grega do libro, e non o seu orixinal hebreo. A consagración do libro en tanto que integrante da Biblia, foi lenta na Igrexa occidental, acorde co emprego máis e máis difuso que del se facía na liturxia, ata verse referendada polo Concilio de Trento, que, coa súa decisión autoritaria, impuxo a liña do Canon amplo que defendera a antiga Igrexa alexandrina.*

*Polo mesmo criterio de fidelidade filolóxica, máis ca polo seu contido doutrinal, as confesións protestantes, fieis aos textos hebreos orixinais, deixárono fóra das súas biblias. Só despois se procuraría unha fundamentación teolóxica (pietismo de observancias, relixión da lei) ao que de primeiras foi un paso de fidelidade ás orixes moi propio do espírito renacentista. Hoxe en día as Igrexas nacidas da Reforma tornan a dar o seu valor ao testemuño relixioso e humano de Ben Sírah.*

*Non pouco influe nesta volta, e na recuperación teolóxica que del fai a Igrexa católica, o feito do seu posible influxo no Novo Testamento. Rastro das súas pegadas pódese enxergar no Evanxeo de Xoán (**1**, 1-17, por exemplo), no de Mateo (Himno de Ledicia:**11**, 25-30), e sobre todo na Carta de Santiago cunha chea de citas implícitas.*

*Foi, así e todo, outro feito casual o que deu pulo decidido ao novo interese polo libro: 1896 é a data do recoñecemento de fragmentos do texto hebreo conservados na "Guenizah" (peza das Sinagogas onde se depositaban os libros sacros envellecidos polo uso) da Sinagoga Vella do Cairo. Seguíronlles moitos da mesma procedencia, descubertos ata o ano 1960. As covas de Qumrân, cerca do mar Morto, e as escavacións na fortaleza de Masada (reduto da resistencia xudía contra os romanos despois do 70), forneceron no presente século novos fragmentos, algúns deles datables no século I a. C. Por xunto recuperáronse dous terzos do libro no texto orixinal, se ben non todos do mesmo valor crítico. A composición dun texto ben seguro é unha das tarefas que aínda está a progresar, o que non é obxección ao intento de tradución desde o texto hebreo, que aquí se leva a cabo, completándoa nas súas ausencias coa axuda da grega breve e da siríaca.*

*Co gallo desta opción cómpre lembrar que na tradución grega, e nas latinas que dela dependen, alterouse a orde dalgúns capítulos (do verso **30**, 25 ao **36**, 10a) e que, polo tanto, nesta versión galega, seguindo o orixinal hebreo, a secuencia é a seguinte verbo da numeración grega: **30**, 16b-**33**; **34**; **35**; **36**, 1-10a; **30**, 25; **31**; **32**; **30**, 1-16a.*

## 2. A cuestión do autor, no seu tempo e lugar

*Da situación da época e do carácter do autor ofrécenos información indirecta o texto do libro: o autor foi nado de xentes de boa posición, como o amosan a súa familiaridade cos príncipes e funcionarios, as viaxes nacionais e internacionais ás que se refire, o ambiente dos banquetes e "simposios" nunha Xerusalén non helenizada mais certamente sometida ao impacto cultural grego. Nunha época de cousas pequenas que se deu en chamar o "período do sono de Israel", Xesús Ben Sírah é un sabio de novo cuño*

*que xongue a experiencia e o estudo á piedade, nun novo xeito de sabedoría relixiosa (cf 7, 31) onde se mesturan o seu amor polo templo, o gusto polo cerimonial case que ritualista e o seu respecto polo sacerdocio (a realización da lei chégase a identificar cos actos máis venerados do culto: cf **35**, 1-10).*

*A súa formación lévao a tentar unha síntese entre a sabedoría experimental da escola, de raizame internacional, e a historia do seu pobo, tirada das fontes dos libros santos, aos que se refire tácita ou expresamente decontino. As grandes figuras dos devanceiros (Noé, Xacob, Pinhás...) sérvenlle como modelos exemplares. As alianzas de Iavé convértense en pactos coas familias (rexia ou sacerdotais) que fundamentan os privilexios duradeiros obtidos como premio dun comportamento; os grandes milagres salvíficos trócanse en instrumental apoloxético que aguilloe, coa lembranza do magnífico pasado, a actuación nun presente gris e de espíritos febles.*

*O afastamento que Ben Sírah denota verbo da actitude crítica dun Xob ou dun Eclesiastés (téñanse en conta a súa visión resignada da morte e a aceptación da lei da retribución terreal), e a súa mínima apertura ao futuro dunha esperanza histórica que estaba a agromar no nacente mesianismo, fan clasificar o Eclesiástico na liña dos "Hasidim" (os piadosos) da época premacabea, e na disposición do que poderiamos chamar un pre-saduceísmo: aquela orientación de relixiosidade humanista un pouco contemporizadora que fraguou co cambio do século II ao I a. C.*

*Outra fonte de información privilexiada é o limiar do libro. Nel, o tradutor, neto do autor, fainos saber da súa chegada a Exipto no ano 38 do rei Euerxetes II –Ptolomeo VII–, arredor do 132 a. C., o que fai datar o orixinal arredor do 190 a. C., tempo no que era ben coñecido o sumo sacerdote Simón, fillo de Onías, do que se fai loanza no capítulo **50** do libro. A circunstancia é, xa que logo, a do comezo da presión cultural grega en contra do xudaísmo. Os láxidas, herdeiros de Exipto despois do pasamento de Alexandre Magno, e contemporizadores por natureza, cederan o poder de Palestina no 198 aos seléucidas sirios, militantes do helenismo. No tempo de Ben Sírah debía estar a comezar a presión cultural que levaría, desde 175 a 163, á persecución relixiosa de Antíoco Epífanes e que motivaría no 166 a revolta guerrilleira dos Macabeos.*

*Son anos de apostasías e perigo para a relixión tradicional, e de medra para aquelas familias da nobreza xudía (coma a dos Tobíades) que facían o xogo á nova onda cultural, recadando con iso facenda e títulos (coma o de sumos sacerdotes). Nese contexto cómpre ver o esforzo do autor por destacar o valor instrutivo e educativo da relixión dos pais, e identificar sabedoría e Iavismo, sabedoría e Temor de Deus, sabedoría e Lei ou Revelación (cf **24**, 23-24).*

### 3. Máximas e refráns, oracións e salmos, ao servizo da piedade

*Nun estilo epigonal, orfo xa da espontaneidade das coleccións antigas do libro dos Proverbios, escolle máximas e refráns amoreados por afinidade e sen orde aparente sobre temas morais como a amizade, a esmola, o trato das mulleres, os médicos. Na liña das autopresentacións metafóricas da sabedoría, desenvolve o empezado por Pr **8** e Xob **28**, chegando á síntese teolóxica que pon ao mesmo nivel da Palabra o saber humano e a lei. Son frecuentes as instrucións de tipo tradicional e as amoestacións, fundamentadas agora en razóns relixiosas. Mais o distintivo neste libro é a introdución de xéneros que antes foran alleos ao mundo sapiencial: as oracións (cf **36**, 1-17) e os salmos de escritorio (cf **51**, 12ss). O escriba douto convértese en mestre de piedade.*

### 4. Estrutura do libro

*Aínda que non é doado inducir unha estrutura diáfana na disposición do libro, mentres non se acade unanimidade nos comentadores, seméllanos conveniente a distribución bipartita, que reparte a obra en dúas grandes seccións:*

4.1. *"O libro das máximas» (**1**, 1-**42**, 14), á súa vez composto de dous volumes (**1-23**, e **24**, 1-**42**, 14), que, segundo algúns, puideron ter vida separada ou foron produto de épocas diversas do autor;*

4.2. *"O libro da grandeza de Deus" (**42**, 15-**50**, 29), onde se loa a gloria de Iavé na creación (**42**, 15-**43**, 33) e na historia de Israel (**44**, 1-**50**, 29), relembrando as figuras nobres da raza.*

*Rematan a obra dous apéndices: O "Himno de acción de grazas" (**51**, 1-12), e mais o "Poema sobre a busca da sabedoría" (**51**, 13-30).*

*O texto hebreo engade no capítulo **51** un salmo tradicional (**12**, I-XV).*

[1]Xa que tantas e tan grandes ensinanzas
nos foron transmitidas na Lei, nos Profetas
e nos restantes que os sucederon polo que
ben merecen ser loadas a instrución e a sa-
bedoría de Israel e posto que non só cómpre
que sexan doutos os escribas [5]senón que
estes amigos do saber poidan asemade ser
útiles aos profanos cos seus discursos e es-
critos, o meu avó, Xesús, despois de se ter
intensamente dedicado ao estudo da Lei, dos
Profetas [10]e dos outros libros recibidos dos
nosos devanceiros, e acadando neles un am-
plo coñecemento, quixo el pola súa banda
compor algunha cousa sobre a instrución e
a sabedoría para que os que teñan degoiros
de aprender, someténdose a estas disciplinas,
puidesen tanto mellor progresar no xeito de
vida segundo a Lei.

[15]Prégovos, xa que logo, que o leades
cunha atención benévola e que escusedes
aqueles pasos nos que dea a impresión [20]de
non traducir ben algúns xiros, a pesar dos no-
sos esforzos de interpretación. Pois de feito
non teñen a mesma forza as cousas ditas no
seu propio idioma, que é o hebreo, cando se
verten noutra lingua. E isto non só na presen-
te obra, senón que a mesma Lei, as Profecías
[25]e os libros restantes difiren non pouco do
seu texto orixinal.

Pois ben, chegado eu a Exipto no ano 38
do finado rei Euerxetes, mentres facía alí mo-
rada, como tivese boa ocasión de me instruír,
[30]coidei que sería moi necesario empregar
algo do meu traballo e esforzo en traducir
este libro; dediqueille daquela moitas vixi-
lias e ciencia co obxecto de rematar e difun-
dir este libro para uso daqueles emigrados
que desexen instruírse [35]e estean dispostos
a manter os bos costumes vivindo de acordo
coa Lei.

# PARTE PRIMEIRA

## LIBRO DAS MÁXIMAS

Volume I

### Loanza da sabedoría

**1** [1]Toda sabedoría vén do Señor
e fica onda El para sempre.
[2]A area dos mares, as pingas da chuvia
e os días da eternidade quen poderá contalos?
[3]O alto do ceo, o grande da terra,
o fondo do abismo quen os sondará?
[4]Antes de todo foi creada a sabedoría,
a intelixencia prudente desde a eternidade.

[6]A raiceira da sabedoría a quen se lle revelou?,
e os seus plans secretos quen os coñeceu?
[8]Non hai máis ca un que sexa sabio e moi terrible
cando asenta no seu trono:

**1**, 1 Amais de fornecer a posibilidade de precisar con moita exactitude a data da composición do libro (cf Introdución), o limiar amosa a existencia, xa para aquel tempo, da distinción no A. T. da tripartición da obra en "Lei, Profetas, Demais Escritos", que chegaría a tornarse clásica para a Biblia hebrea. Cómpre dicir que o limiar non ten a consideración de inspirado, por non pertencer ao núcleo da obra en canto tal.

**1**, 1-10 En dúas estrofas de catro versos (vv. 1-4; 6. 8-10) o autor presenta a sabedoría como confidente e cooperadora de Deus. Na tradución omítese o v. 5 ("A fonte da sabedoría é a palabra de Deus no máis alto, e as súas canles son os mandamentos eternos") e o v. 7 ("A ciencia da Sabedoría a quen foi amosada? E a súa inxente experiencia quen a comprendeu?"); ambos os dous, testificados soamente por algúns manuscritos gregos e latinos, son patentes glosas amplificativas. Igualmente destacamos no v. 9 *O Señor!* como pertencente ao remate do v. 8, e mantense a tradución *aos seus amigos* no v. 10 contra a corrección coa versión siríaca "aos que o temen", preferida dalgúns; o tópico da sabedoría amiga é constante e repetirase ao longo do volume.

9 o Señor!
Foi El quen a creou, mirou e mediu;
e esparexeuna sobre todas as súas obras,
10 entre todos os seres vivos, conforme a súa xenerosidade;
e déullela en agasallo aos seus amigos.

**A actitude relixiosa**

11 O temor do Señor é boa sona e motivo de orgullo,
gozo e coroa de xúbilo.
12 O temor do Señor dá folgos ao corazón,
procúralle gozo, ledicia e vida longa.
13 Para quen teme o Señor todo remata ben,
no día do seu pasamento será bendicido.

14 O principio da sabedoría é temer o Señor;
xa no seo materno foi creado xunto cos fieis.
15 Entre os homes fixo un niño, alicerce eterno,
e hase manter leal a carón da súa caste.
16 Plenitude da sabedoría é temer o Señor:
pois dos seus froitos embebédaos;
17 énchelles todo o casal de tesouros
e os piornos dos seus produtos.

18 Coroa da sabedoría é o temor do Señor
que fai florecer a paz e a cura saudable.
19 Fai orballar a ciencia e o coñecer intelixente
e agranda a sona dos que a posúen.
20 A raiceira da sabedoría é temer o Señor;
e as súas pólas, a lonxevidade.

**Ser sabio é ser paciente**

22 Quen sen razón se alporiza non sairá impune,
pois o pulo da paixón fará a súa ruína.
23 O paciente, con todo, mantense ata o momento oportuno,
e ao remate a ledicia recompénsao.
24 Contén por certo tempo as súas razóns,
mais moitas bocas pregoarán o seu siso.

**Ser sabio é ser piadoso**

25 Entre os tesouros da sabedoría atópase o modelo da prudencia,
mais para o pecador a relixiosidade é de aborrecer.
26 Cobizas a sabedoría? Garda os mandamentos!
O Señor daracha a eito,
27 porque sabedoría e instrución é o temor do Señor
e quen o deleita son a sinceridade e a humildade.

**1**, 11-20 Nun pequeno tratadiño o autor presenta a actitude fundamental necesaria para acadar a sabedoría: o temor do Señor.
Mantemos a versión *temor do Señor*, por fidelidade ao texto. Pero a súa evolución semántica é diversa segundo ás épocas: de temor nouménico que aínda se atopa no Pentateuco, pasou a significar rectitude relixiosa e rectitude moral. Aquí pódese traducir como relixiosidade, incluíndo o sentimento de "pietas" para Deus e a práctica relixiosa co matiz da fidelidade.
Algúns manuscritos gregos e latinos glosaron ou amplificaron: No v. 12: "O temor do Señor é un don do Señor, pois basea os seus vieiros sobre o amor"; no v. 18: "Os dous son dons de Deus para a paz; a gloria fáiselles fácil aos seus amigos"; diante do v. 19, "ollouna e mediuna", e o v. 21: "O temor do Señor refuga os pecados; cando se fai presente, afasta a carraxe".

**Ser sabio é ser auténtico**

[28]Non andes con retrancas perante o temor do Señor
nin te achegues a El cun corazón dobre.
[29]Non fagas o hipócrita diante da xente
e pon tino nos teus labios.
[30]Non te exaltes, non sexa que caias e atraias a infamia,
pois o Señor descubrirá os teus segredos
e botaríate por terra no medio da asemblea
por te achegares ao temor do Señor
levando o corazón cheo de engano.

**Para chegar a sabio, resiste a adversidade**

**2** [1]Filliño, se te achegas a servir o Señor,
prepárate para a proba;
[2]ten firme o corazón, sé constante,
non te axites no intre da conmoción;
[3]apégate a El, non te lle afastes
e ao remate serás exaltado.

[4]Canto che veña enriba, acéptao,
aínda na doenza e na pobreza, ten paciencia.
[5]Pois no lume próbase o ouro
e os homes elixidos, na forxa da humillación.
[6]Confía nel e hate axudar,
endereita os teus camiños e espera nel.

[7]Vós, que temedes o Señor, agardade a súa misericordia
e non vos extraviedes para non caer.
[8]Vós, que temedes o Señor, confiade nel
e non se vos negará a paga ao vir a noite.
[9]Vós, que temedes o Señor, esperade bens,
eterna ledicia e misericordia.

[10]Considerádevos das xeracións antigas e ollade:
quen confiou no Señor e foi avergonzado?
Ou quen perseverou no seu temor e foi desatendido?
Ou quen berrou por El e foi pasado por alto?
[11]Pois o Señor é compasivo e piadoso,
perdoa o pecado e salva na hora da angustia.

[12]Malia os corazóns covardes e as mans febles
e o pecador que discorre por dobre vieiro!
[13]Malia o corazón que afrouxa porque non cre,
pois ficará sen protección!
[14]Malia vós que desbotastes a perseveranza!
Que faredes cando o Señor vos veña pedir contas?

[15]Os que temen o Señor non transgriden os seus mandados
e os que o aman gardan os seus camiños.

**1**, 28 O "achegarse" a Deus é termo cúltico ou ritual: presentarse no templo para lle demandar un oráculo ou axuda.
**1**, 30 *A asemblea* refírese á congregación cúltica, reunida oficialmente para un acto público.
**2**, 5 Algunhas versións acrecentan a glosa "nas enfermidades e na pobreza confía nel".
**2**, 14 *Perseveranza*: a verba "hypomoné" refírese a unha constancia activa no esperar, mellor ca a paciencia.
**2**, 15-17 Especie de síntese dos dous primeiros cc. Equipara o temor do Señor co amor a El; esta idea de amar a Deus é nova e refírese a un amor persoal, non ao concepto de fidelidade de servizo. Este texto puido inspirar algúns vv. da Carta de Santiago (cf **1**, 2-4. 12-15).

16Os que temen o Señor procuran compracelo
e os que o aman cumpren coa lei.
17Os que temen o Señor teñen o corazón disposto
e saben facerse pequenos diante del.

18Botémonos nas mans do Señor
que non nas mans dos homes!,
pois tal como é a súa maxestade
tamén é a súa piedade.

**O cuarto mandamento**

**3** 1Escoitade, fillos, a corrección paterna
e obrade de xeito que vos salvedes;
2pois o Señor honrou o pai máis ca os fillos
e afincou o dereito da nai sobre o dos nenos.
3Quen honra seu pai redime as culpas,
4quen enxalza súa nai é coma quen atesoura.
5Quen honra seu pai gozará dos fillos
e cando vaia pregar será atendido.
6O que respecta o pai terá vida longa
e quen obedece o Señor daralle consolo a súa nai
7e servirá coma a amos a aqueles que o xeraron.
8Meu fillo, honra teu pai de palabra e de obra,
para que veña sobre ti toda clase de bendicións.
9A bendición dun pai fai botar raigaños,
a maldición dunha nai arrinca a planta.
10Non te glories coa deshonra de teu pai,
pois non é para ti un motivo de honor.
11A un home vénlle honor da honra de seu pai;
mais quen maldí de súa nai comete un grave pecado.
12Meu fillo, persevera no honrar a teu pai,
non o desatendas nos días da túa vida.
13Aínda que perda o xuízo, tenlle miramento
e non o aldraxes todo o tempo que viva.
14O ben que se lle faga a un pai non será borrado,
hache valer como compensación das faltas;
15no día da proba teráseche en conta;
coma coa calor a xeada esluiranse as túas culpas.
16É coma un blasfemo quen avergonza a seu pai
e provoca ao seu creador quen maldí de súa nai.

**Humildade e teimosía**

17Meu fillo, cando sexas rico procede modestamente
e virás a ser máis amado ca o que fai moitos agasallos;
18faite pequeno diante das grandezas do mundo
e encontrarás favor onda Deus;
19pois grande é a misericordia de Deus,
que revela os seus segredos aos humildes.

**2**, 18 A primeira parte deste v. gozou de ampla fortuna na tradición ascética da "devotio moderna".
**3**, 1-16 Con este tema comeza Ben Sírah unha serie de instrucións sobre situación e motivos concretos. É interesante constatar a presenza case constante do pai e da nai, que reflicte un cambio no contexto sociolóxico da muller e a súa posición na casa e na vida civil. O motivo da redención das culpas e a compensación do pecado polas boas obras, métenos no contexto da relixiosidade de expiación, que tan fondamente influíu na liturxia xudía despois da reforma de Esdras e Nehemías e que aquí se adapta a unha espiritualidade individual. O tema da honra aos pais e a ética familiar é preocupación constante do autor (cf **7**, 27-28).
**3**, 7 A expresión "o que teme o Señor honra o seu pai", non está suficientemente documentada, por máis que así a estrofa queda sen un hemistiquio.
**3**, 19 Este v. é unha variante do v. 20, que só aparece na versión grega e na siríaca, ou en traducións dependentes delas.

[21]Non vaias á procura do difícil de máis para ti
nin pescudes o que te supera;
[22]dedica a túa reflexión ao que está no teu poder
e non te ocupes do profundo e encuberto.
[23]Non te afanes no que te supera,
pois amosáronseche cousas que non podes comprender.
[24]Certamente moitas son as teimas dos humanos,
mais as matinacións perversas desvarían.

[25]Sen pupila falta a luz
e onde falta o coñecemento non hai sabedoría.
[26]Mente teimuda terá mal final
e quen ama os praceres, neles será alindado.
[27]Mente teimuda multiplica as súas coitas,
quen se atormenta engade culpa á culpa.
[28]Non corras a sandar a ferida do burlón;
non ten cura pois é grelo de planta cativa.
[29]A mente sabia comprende os ditos dos sabios,
o oído atento á sabedoría, aledarase.

**Caridade co marxinado**

[30]Como a auga mata o lume flamexante,
a esmola encobre os pecados.
[31]Quen fai o ben, atópao nos seus camiños,
cando tropece encontrará un acougo.

**4** [1]Filliño, non te burles da vida do coitado
nin entristezas a quen sofre mágoas;
[2]non deixes que xema o necesitado
nin te escondas dos deprimidos.
[3]Non conturbes as entrañas do asoballado
nin causes mágoa no interior do miserento;
non negues unha dádiva aos mendigos.
[4]Non refugues as demandas do pobre,
[5]non lle deas motivo de te maldicir;
[6]pois queixaríase co corazón amargado pola dor
e a súa Rocha escoitaría o son do seu laio.

[7]Fai que te queiran ben na comunidade
e abaixa a cabeza diante do maxistrado.
[8]Párate a escoitar ao pobre
e devólvelle con modestia o saúdo.
[9]Ceiba o asoballado do seu opresor
e non teñas reparo en defender unha causa xusta.
[10]Serás coma un pai para os orfos,
fai as veces de marido para as viúvas;
daquela Deus hate chamar fillo,
seraslle grato e ceibarate da cova.

**3**, 22 Este v. ten unha fonda semellanza co tema de Mt **11**, 25. 29, que en máis dunha ocasión parece ter lido a Ben Sírah.
**3**, 30 O tema da compaixón co pobre era común nas instrucións sapienciais, desde a Sabedoría de Ani e a corrente popular exipcia.
É nova a identificación ou insistencia na equiparación co entristecido, cousa que amosa unha sensibilidade máis depurada e un sentido maior de humanidade (cf Tob **4**, 7-11; **12**, 8-10; Dn **4**, 24). O termo que traducimos por *esmola* é o de "sedaqah", que no hebreo anterior correspondía, ao menos para os libros sapienciais, ao concepto de "actuación conforme á orde das cousas, xustiza". De feito no aramaico tardío "sidgá" chegou a significar beneficencia, liberalidade, obras piadosas e meritorias, e como tal hai que traducilo aquí.
**4**, 10 Este v. fai resoar Xob **29**, 12-17, e coa apelación "fillo de Deus" semella adiantar a fundamentación das Benaventuranzas evanxélicas.

**A sabedoría, pedagoga**

11 A sabedoría instrúe os seus fillos
e exhorta aos que a estudan.
12 Os que a aman, aman a vida,
os que a procuran, acadan beneplácito de Iavé.
13 Os que a acaden, encontrarán gloria,
farán morada na bendición de Iavé.
14 Dan culto ao Santo os que a serven,
Deus en persoa ama os que a aman.
15 Quen me escoita, vive seguro;
quen me preste atención morará nas miñas cámaras.
16 Se confía en min, terame en herdanza
e a súa descendencia conservará a miña posesión,
17 pois disfrazada, camiñarei ao seu carón:
de primeiras probareino con tentacións,
infundireille terror e medo,
e en tanto o seu corazón non se encha de min
poreino a proba cos meus exames;
18 volverei entón a conducilo
e revelareille os meus segredos.
19 Mais se se afasta, refugareino
e entregareino ás cadeas.

**Respecto humano e sinceridade**

20 Meu fillo, no tempo da fartura, gárdate con temor do mal
para non ter que te avergonzares de ti mesmo,
21 pois hai vergonza que leva aparellada a culpa,
como outra vergonza carrexa boa sona e favor.
22 Non andes con miramentos que te prexudiquen
e non te rebaixes ante quen te quere humillar.
23 Non conteñas unha palabra ao seu tempo
nin agaches a túa sabedoría,
24 pois falando dáse a coñecer a sabedoría
e o discernimento na resposta da lingua.

25 Non lle leves a contra a Deus:
sométete a Deus.
26 Non te avergonces de te converter da culpa:
non fagas fronte á corrente.
27 Non te sometas ao mal asisado
nin te revires contra os que gobernan.
28 Loita ata a morte pola xustiza
e Iavé combaterá do teu lado.
29 Non sexas de lingua fachendosa
nin frouxo nin remiso nos teus feitos;
30 non sexas coma un león no teu casal,
mais tampouco afastado e tímido cos teus criados.
31 Que a túa man non estea aberta para recibir
e pechada cando se trata de dar.

**4**, 11-19 Toda a pasaxe é unha paráfrase de Pr **1**, 22-23; **8**; **9**, 1-6, o que queda patente desde o termo arcaizante "hokmot" co que se designa a sabedoría, e na prolongación-duplicado do texto hebreo no v. 19: "Se deixa de vir tras de min, desbotareino e abandonareino nas mans dos salteadores", que non reproducimos.
**4**, 26 *A corrente* refírese ao trebón ou enxurrada da xustiza de Deus, non á corrente dos homes.
**4**, 27 O texto hebreo acrecenta: "non sentes con xuíz perverso, pois terás que xulgar conforme ao seu gusto". Non vén nas versións, pero pode ser orixinal, pola súa concreción.
**4**, 28 A "sede de xustiza" ten nesta frase lapidaria un antecedente.
**4**, 31 Este v. relémbranos o dito de Xesús que se conserva en Feit **20**, 35. O texto hebreo engade: "non te botes sona de hipócrita nin calumnies coa túa lingua", que duplica o v. 5, 14.

**Fachenda**

**5** [1]Non te sosteñas nas túas riquezas
nin digas: "Está no meu poder".
[2]Non te sosteñas na túa forza
seguindo os impulsos do teu devezo.

[3]Non digas: "Quen poderá comigo?",
pois Iavé pide contas de canto sucede.
[4]Non digas: "Pequei e que me aconteceu?",
só porque Deus é paciente.
[5]Non contes co perdón para engadires culpa á culpa
[6]dicindo: "Grande é a súa misericordia
e perdoará a multitude dos meus pecados".
Pois nel van xuntas misericordia e ira
e sobre os malvados envorca a súa carraxe.
[7]Non tardes en volver a El,
nin o deixes dun día para outro,
pois xorde de súpeto o seu furor
e no día da vinganza perecerás.

[8]Non poñas a confianza nas riquezas inxustas,
que non che han valer no día da carraxe.

**Control da palabra**

[9]Non aventes a todo vento
nin xires para onde vaian as espigas;
[10]tente firme nas túas convicción
e sexa unha a túa palabra.
[11]Sé pronto para escoitares
e calmo ao responderes.
[12]Se podes, responde ao teu veciño;
e se non podes, pon a man na boca.
[13]Honor e vergonza fican a carón do paroleiro
e a lingua do home é a súa ruína.

[14]Non collas sona de home difamador
nin aldraxes coa túa lingua,
pois para o ladrón creouse a vergonza
e o escarnio severo para o de falar revirado.
[15]Non fagas mal nin pouco nin moito,
non pases de ser amigo a ser inimigo,
**6** [1]pois mal nome e aldraxe son produto da infamia
e tal sucede co malvado de lingua retorcida.

**A paixón**

[2]Non caias no poder da túa paixón
pois consumirá o teu vigor,

**5**, 2 O hebreo engade: "non vaias tras do teu ánimo e dos teus ollos, camiñando segundo as túas paixóns", o que semella un duplicado á marxe do tema do poder e a riqueza.
**5**, 4 O texto hebreo repite cunha variante: "Non digas: o Señor é piadoso e borrará todas as miñas culpas".
**5**, 8 "Día das contas", "da vinganza", *da carraxe*: semellan termos técnicos que van máis aló dunha mera retribución intramundana, polo que non é arriscado supor un influxo das concepcións da incipiente corrente apocalíptica.
**5**, 11 Cf St **1**, 19. A importancia dada ao tema da oratoria e á falsidade coa lingua no presente libro, pode ter que ver coa plétora de mestres e filósofos itinerantes que trouxo consigo o helenismo e que debeu chegar ata Palestina a pesar do seu illamento.
**5**, 12 O xesto aludido supón reflexión e atención (cf Xob **29**, 9).

[3]devorará as túas follas, arrincará os teus froitos,
deixarate coma unha árbore seca;
[4]xa que a paixón violenta abate os que a posúen
e convérteos en motivo de troula dos seus inimigos.

**A amizade auténtica**

[5]Unha fala xeitosa multiplica os amigos,
uns labios graciosos atraen saúdos.
[6]Ten moitas relacións,
mais, como confidente, un de entre mil.
[7]Se fas un amigo, faino despois da proba,
non te fíes decontado del.
[8]Pois amigos hai que van co tempo
e non resisten nos días difíciles.
[9]Amigo hai que se troca en inimigo
e descobre despois as túas liortas vergoñentas.

[10]Amigo hai, compañeiro de mesa,
que non se atopa no día da desfeita;
[11]mentres teñas facenda, estará ao teu carón;
vaiche mal, e apártase de ti;
[12]se te atrapa a desgraza, vólvese en contra túa,
escóndese da túa presenza.
[13]Arreda dos teus inimigos,
ten coidado cos teus amigos.

[14]Amigo fiel, amigo seguro,
quen o atopa, encontra un tesouro.
[15]Amigo leal non ten prezo,
non hai quen pese o seu valer.
[16]Como talismán para a saúde é o amigo leal,
quen teme a Deus, acádao.
[17]Quen teme a Deus dirixe rectamente a súa amizade;
tal como un é, tal é o seu amigo.

**A iniciación á sabedoría**

[18]Meu fillo, desde a túa mocidade acolle a instrución
e ata a ancianidade acadarás sabedoría;
[19]achégate a ela coma quen ara ou sega
e espera colleita farturenta,
pois no seu cultivo terás que traballar un pouco,
mais axiña xantarás dos seus froitos.
[20]Ela é espiñenta para o necio
e insoportable para o mal asisado;

**6**, 2-4 Esta única e prolongada amoestación fala do "néfex" (apetito, desexo, devezo) sen máis concretar. Cómpre tomar nota do interese crecente por unha psicoloxía moral, que empeza en Ben Sírah e, a través de Qumrân e o rabinismo, chegará a san Paulo e Santiago, coas súas exposicións da concupiscencia.
**6**, 16-17 A ligazón do temor de Deus coa amizade fai dela unha graza, efecto da actitude crente.
**6**, 16 Traducimos *talismán* o termo literal "bolsiña da vida"; de seu correspondía a un foleco pequeno que contiña obxectos considerados de influxo para a saúde ou de efecto apotropaico; no tempo de Ben Sírah se cadra xa se trataba dalgún obxecto relixioso (as letras da Xemá, cf Dt **6**, 4), que se levaba pendurado do pescozo.
**6**, 17 O texto hebreo engade: "...e como as súas accións, o seu bo nome".
**6**, 18-37 Unha longa instrución tenta animar o discípulo a coller folgos ante a longa tarefa da aprendizaxe sapiencial. O texto, longo e un pouco retórico, articúlase en tres seccións, divididas pola chamada introdutoria á escoita, acompañada da alocución "meu fillo". No v. final (v. 37) aparece de novo a actitude fundamental que Ben Sírah quere inculcar: o temor de Deus, a sabedoría da lei, a recepción da sabedoría como graza, aquel don dun "corazón sabio e intelixente" do que xa falaba 1 Re **3**, 11s.
**7**, 1-36 Nos capítulos que seguen, despois da referencia anterior ao esforzo sapiencial, enxértanse unha serie de amoestacións acerca de varias pautas de comportamento.

21 afunde nel coma pedra pesada:
non tardará en desbotala,
22 pois a iniciación é coma o que amosa o seu nome,
inaccesible para moitos.
23 Escoita, meu fillo, acolle o meu ensino
e non refugues o meu consello.
24 Mete os pés nos seus cepos
e o pescozo no seu xugo;
25 baixa as costas e carga con ela,
que non te irriten as súas ataduras.
26 Achégate a ela con toda a alma
e con toda a túa forza garda os seus camiños.
27 Procura, inquire, busca e encontrarás;
se atangues a instrución non a ceibes,
28 pois ao remate, atoparás o seu acougo
e converteráseche en firme deleitación:
29 aquelas redes súas trocaránseche en firme alicerce
e as súas ataduras en adobío de pan de ouro;
30 o seu xugo, en diadema dourado;
os seus lazos, en liñas de púrpura:
31 vestiralas coma traxe de festa
cinguiralas coma coroa de luxo.

32 Filliño, se ti queres, podes chegar a sabio,
se pos todo o teu tino, volveraste prudente;
33 se tes desexo de escoitar, aprenderás,
se prestas oído, haste instruír;
34 preséntate na xuntanza dos anciáns
e se hai algún sabio, apégate a el;
35 atende gustoso calquera discurso
e non se che escape un dito agudo;
36 observa quen é o intelixente e corre cedo a visitalo
e que os teus pés desgasten a soleira da súa porta.
37 Cavila no temor do Altísimo
e decontino medita os seus mandados.
El ilustrará a túa intelixencia,
farate sabio canto desexes.

**Integridade e bondade**

7 1 Non fagas o mal e non che virá o mal.
2 Afástate da culpa e ela apartará de ti.
3 Non sementes nos sucos da inxustiza,
non teñas que recoller sete por un.

4 Non pidas a Deus un mando
nin ao rei un posto honorífico.
5 Non te gabes de xusto perante Deus
nin te fagas o sabido diante do rei.
6 Non desexes gobernar
se non tes valor para controlar a fachenda,
non sexa que te intimides diante dun príncipe
e botes unha chata na túa integridade.

[7]Non deas motivo de ser condenado na reunión da porta,
para non seres humillado na asemblea.
[8]Non te endurezas ata repetir un pecado,
pois aínda cun só non fuxirás impune.

[9]Non digas: "Terá El en conta a morea das miñas ofrendas,
cando lle faga un don ao Deus Altísimo, aceptarao".
[10]Non sexas impaciente na pregaria
nin deixes a esmola para máis adiante.
[11]Non aldraxes o home magoado,
pensa que hai quen exalta e humilla.
[12]Non matines violencia contra teu irmán
nin contra o veciño e compañeiro;
[13]non te afagas a dicir unha mentira despois doutra,
pois o remate non sería feliz;
[14]non esbardalles na reunión dos príncipes
nin repitas palabras na pregaria.

[15]Non refugues a tarefa penosa
nin o traballo do campo, disposto por Deus.
[16]Non te deas aires de importante entre a xente da aldea:
ten en conta que a xenreira non tardaría.
[17]Abaixa todo o que poidas a túa fachenda,
que o que lle espera ao home son os vermes.
Non te apresures a falar e cambiar de opinión;
consulta a Deus e conténtate co que dispón.

[18]Non troques un amigo por unha fortuna
nin un irmán verdadeiro polo ouro de Ofir.
[19]Non despreces unha muller discreta;
se por riba é xeitosa, vale máis do que as perlas.
[20]Non asoballes o criado fiel
nin o xornaleiro que pon todo o seu esforzo;
[21]ama coma a ti mesmo ao criado intelixente
e non lle denegues a liberdade.
[22]Tes gando? Teno do teu ollo;
se che é útil, consérvao.
[23]Tes fillos? Edúcaos
e procúralles muller cando aínda son novos.
[24]Tes fillas? Vixía os seus corpos
e non lles amoses unha faciana condescendente.
[25]Casa a filla e irase a preocupación,
mais cásaa con home asisado.
[26]Tes muller? Non a repudies;
mais se non a queres, non te fíes dela.

[27]Honra teu pai de todo corazón
e non esquezas as dores de túa nai;
[28]lembra que naciches grazas a eles;
con que lles vas poder compensar o que por ti fixeron?

**7**, 7 Fai referencia ao tribunal dos anciáns que se xuntaba á porta da vila para dirimir problemas de convivencias e crimes menores.

**7**, 9 Amosa aquí o concepto de culpa persoal e non meramente cultual.

**7**, 10-14 A brevidade na pregaria xa fora tocada por Qohélet e reaparecerá en Mt **6**, 7.

[29]Con todo o ánimo teme a Deus
e trata os seus sacerdotes coma cousa santa.
[30]Ama o teu Facedor con todas as túas forzas
e non abandones os seus ministros.
[31]Honra a Deus e respecta o sacerdote,
dálle a súa parte como está prescrito:
a carne dos holocaustos, a ofrenda das mans,
os sacrificios de rigor e o tributo sagrado.

[32]Tende tamén ao pobre a túa man,
para que a túa bendición sexa cumprida.
[33]Fai agasallos a todos os viventes;
tampouco non lles negues a piedade aos mortos.
[34]Non fuxas dos que choran, fai o pranto cos enloitados.
[35]Que o teu ánimo non refugue o doente e serás amado del.

[36]En todas as túas accións lembra a fin
e endexamais non pecarás.

**Discusións problemáticas**

**8** [1]Non teñas preito con home poderoso,
non vaias dar nas súas mans.
[2]Non rifes con home adiñeirado,
non vaia medir o teu prezo e te perdas:
pois o ouro fai orgullosos aos grandes
e a riqueza desvaría a mente dos príncipes.
[3]Non discutas co lingoreteiro,
para non botares leña ao lume.
[4]Non teñas trato co necio,
para que non se burle das xentes nobres.

**Desprezos inxustificados**

[5]Non escarnezas a quen se converte do pecado,
lembra que todos somos culpables.
[6]Non poñas en apuros ao home de idade,
que tamén nós imos chegar a vellos.
[7]Non te aledes por un morto,
lembra que todos imos morrer.

**Ciencia e tradición**

[8]Non desbotes as razóns dos sabios,
ataréfate nos seus enigmas,
pois neles aprenderás a tradición
e poderaste presentar diante de príncipes.
[9]Non descoides as historias dos anciáns,
que eles pola súa banda escoitaron de seus pais,
pois con elas adquirirás prudencia
para saberes dar resposta cando cómpre.

**7**, 29-31 Estes vv. reflicten unha especie de pequeno catecismo do bo leigo israelita.
**7**, 32-35 Auténtica serie de "obras de misericordia", nas que non pode faltar a esmola, á que se engade a piedade cos mortos da que falaba, tamén polo mesmo tempo, o libro de Tobit.
**8**, 1 Na serie prolongada das amoestacións negativas, comezan a aparecer temas xa máis diversificados e non agrupables baixo un título complexo ou motivo unitario.
**8**, 3 Este v. puido inspirar St **3**, 5-6.

**Perigos nos homes**

10 Non atices as brasas do pecador,
para non te queimares coa súa labarada.
11 Non cedas diante do cínico,
para que non prepare a emboscada ante ti.
12 Non prestes a quen é máis forte ca ti;
se lle prestaches, dáo por perdido.
13 Non saias fiador por máis do que podes;
se xa te comprometiches, considérate debedor.
14 Non fagas preito a un xuíz,
pois xulgará o que lle veña ben.

15 Non fagas viaxe cun temerario,
para non agrandar os teus males,
pois el vai dereito ao seu
e ti terás que pagar pola súa tolemia.
16 Non sexas teimudo co irascible
nin viaxes á beira del polo camiño,
pois para el é cousa de nada o esparexer sangue
e desfarase de ti onde non teñas quen te acorra.
17 Non consultes co inxenuo,
pois non sabe gardar un segredo.
18 Diante dun forasteiro non fagas nada sospeitoso,
pois non sabes o que el pode deducir.
19 Non descubras a túa mente a calquera,
para non escorrentar a felicidade de onda ti.

**Perigos coas mulleres**

**9** 1 Non teñas celos da túa propia muller,
para non ensinarlle a ser maliciosa contigo.
2 Non te entregues de todo á túa muller,
para que non che pise as costas.
3 Non te achegues a muller allea,
para non caeres nas súas redes.
Non teñas tratos con prostituta,
non te vaia cazar coas súas mañas.
4 Non lles botes piropos ás cantantes,
non te vaian queimar coas súas boquiñas.

5 Non poñas o ollo na moza nova,
para non levares castigo por culpa súa.
6 Non te entregues a unha prostituta,
para non disipar a túa herdanza
7 ficando por tolo aos teus propios ollos
e arruinando por riba o teu casal.
8 Afasta a vista da muller fermosa
e non olles para unha beleza que non é túa.

**8**, 18 Nun mundo internacional de grandes trasfegas de poboación, a figura do estranxeiro faise aínda máis sospeitosa para un pobo xa desconfiado de seu como era o israelita, sobre todo polo influxo negativo que tales homes chegaran a introducir nos costumes e na relixión.
**9**, 1-9 Perigos coas mulleres: a figura da "estranxeira", motivo de escándalo polos seus costumes e pola introdución en Israel de cultos politeístas, fora materia de reflexión en Pr (cf cc. **2**, **5**, **7**). A presenza na vida social de mulleres de vivir independente (cantantes, prostitutas profesionais, etc.) falan dun cambio cultural que aportou, xunto cunha certa relaxación de costumes, unha meiranda de liberdade e personalidade na muller, que pode participar na vida pública (nos banquetes e discusións típicas das sobremesas de triclinio), e encontrarse cos homes sen o control ríxido social anterior. A apreciación estética da beleza e elegancia son tamén un elemento novo ao que Ben Sírah aludirá máis adiante (cf **26**, 17. 18).
**9**, 5 Depúrase o sentido moral coa ética das intencións, cun sentimento do que xa temos testemuño en Xob **31**, 1.

Por unha muller pérdense moitos,
e o seu amor queima coma o lume.
9Non xantes cunha muller casada
nin roldes bébedo na súa compaña,
para que non te arrastre a ela o corazón
e despois, sangrando, descendas á cova.

**Outras clases de homes**

10Non deixes amigo vello, pois o novo non o iguala.
Amigo novo é viño novo: cando envelleza, beberalo.

11Non envexes o perverso,
pois ignoras cando lle virá o seu día.
12Non envexes a fachenda do afortunado:
pensa que no día da morte non ficará impune.
13Tente lonxe do home capaz de matar
e non terás terrores mortais;
se te lle achegas non incorras en faltas,
para que non che arrinque o alento da vida;
leva conta de que marchas entre trampas
e que camiñas sobre unha rede.

14Na medida en que poidas ten trato co veciño
e consulta cos sabios;
15sexa a túa conversa co asisado
e con el todos os teus segredos.
16Sexan os teus comensais xente de ben
e pon no temor de Deus a túa gloria.

**Do goberno**

17Con mans hábiles mantense o dereito
e goberna o seu pobo o home elocuente.
18Témenlle na cidade ao bardallas
e renegan das laretadas da súa boca.

**10** 1Un maxistrado público instrúe ao seu pobo
e o goberno dun home asisado é ordenado.
2Como é o gobernante do pobo, así son os subalternos;
e coma o rexedor, os cidadáns.
3Un rei insensato arruína a cidade,
pois a cidade asenta na prudencia dos xefes.
4Nas mans de Deus está o goberno do mundo
e suscita en cada momento o home que convén.
5Nas mans de Deus está todo poder humano
e ten en máis a súa gloria ca o gobernante.

**Tratado sobre a soberbia**

6Non devolvas mal ao veciño por unha inxuria calquera;
non te deixes ir polo camiño da soberbia.
7A soberbia é odiada do Señor e mais dos homes;
e de ambos os dous éo o afán do que asoballa.

**9**, 9 O xuízo do adulterio faise aquí en base ao principio de fidelidade, xa non ao de propiedade.
**10**, 4-5 Punto de grande importancia: o control e a non-posesión do poder por parte de quen goberna; é Deus o único que posúe ese atributo e que lle confire ao rei a súa maxestade.
**10**, 6-18 A reflexión, non afastada dun certo matiz estoico, pode reflectir acontecementos contemporáneos (lémbrese a mutación de poder dos Láxidas aos Seléucidas no 198 a. C.); en concreto os vv. 9-10 semellan aludir á morte dalgún mandatario coñecido (cf 2 Mac **9**, 5-12).

[8]Dun pobo a outro pasa a hexemonía
en razón da violencia e da soberbia.
[9]De que se gaban o po e mais a cinsa
e quen, aínda de vivo, ten podres as entrañas?
[10]O ataque da doenza rise do médico:
rei hoxe, defunto mañá.
[11]Cando morre o home, herdan os vermes:
as lombrigas, as larvas e os insectos.
[12]O celme do orgullo está no home insolente,
que aparta o seu pensar do Creador;
[13]pois manancial de orgullo é o pecado
e a súa fonte burbulla malicia,
por iso Deus castígao terriblemente
e bate nel ata esnaquizalo.
[14]Derruba Deus o trono dos soberbios
e asenta no seu posto aos humildes.
[15]Deus arrinca as raiceiras das nacións
e planta no seu lugar aos sinxelos.
[16]O Señor encobre as pegadas dos pobos
e talla os seus raigaños a ras do chan,
[17]várreos da terra e arríncaos
e borra do mundo a súa lembranza.
[18]Non di co home o orgullo
nin a carraxe co nado de muller!

**Nobreza e temor de Deus**

[19]Cal é a raza honrada? A raza humana.
Cal é a raza honrada? A que teme a Deus.
Cal é a raza desprezable? A raza humana.
Cal é a raza desprezable? A que viola o mandado.

[20]Entre irmáns tense respecto ao vinculeiro,
mais o que teme a Deus vaille por diante.
[22]Emigrante ou alleo, estranxeiro ou mendigo,
a gloria deles é o temor de Deus.
[23]Non é de rexeitar un pobre intelixente
nin ter por honrado a calquera home enaltecido.
[24]Ao príncipe, ao gobernante e ao maxistrado débenselles respecto,
mais ninguén é meirande ca o que teme a Deus.
[25]Ao escravo axuizado servirano homes libres,
sen que un home intelixente teña que obxectar.

**Presunción e autorrespecto**

[26]Non te chufes de listo ao facer o teu traballo
nin presumas no tempo da estreitura.
[27]Máis vale un obreiro que abunda en facenda
do que o presuntuoso que non ten mantenza.

[28]Meu fillo, con modestia respéctate a ti mesmo
e daráseche o alimento que che cómpre.
[29]Quen declarará inocente a quen se di culpable?
Quen vai respectar a quen se rebaixa?
[30]Pobres hai que son respectados pola súa prudencia,
como hai quen é honrado pola súa riqueza.

**10**, 14 Este v. ten unha correspondencia expresa na composición antolóxica do "Magnificat" (cf Lc **1**, 52). Os vv. 14-17 amosan a forma dun himno providencial (cf Sal **44**).

**10**, 21 O texto hebreo omite o v. 21, testemuñado pola versión latina: "O temor do Señor é comezo do progreso; orixe de rexeitamento son a dureza e o orgullo".

Honrado pola riqueza? Por canto tempo?
Aldraxado pola pobreza? Por canto tempo?
31Se o respectan na pobreza, canto máis na riqueza.
Se o aldraxan na riqueza, canto máis na pobreza.

**11** 1A sabedoría do pobre faille andar coa cabeza alta
e faino asentar entre os nobres.

**Xuízo recto dos homes**

2Non loes a un home pola súa beleza
nin o rexeites por ser mal parecido.
3Ben pequena é a abella entre os volátiles,
mais o seu froito é o produto máis exquisito.
4Non aldraxes a quen vai en farrapos
nin rías dos que sofren días tristes,
pois Iavé fai cousas sorprendentes
e o seu obrar fica escondido para o home.
5Moitos asoballados sentaron despois no trono,
xentes en quen ninguén pensaba cinguiron o diadema.
6Moitos homes importantes caeron moi baixo
e xente de prestixio foi entregada en mans alleas.

**Sen présas, apúrate**

7Non censures antes de te informares,
inquire primeiro e despois reprende.
8Meu fillo, non respondas antes de escoitares
e non interrompas no medio do discurso.
9Non te alporices polo que non che molesta
e non te entremetas no preito dos poderosos.
10Meu fillo, non acrecentes as túas preocupacións:
quen moito bole a facer fortuna, non o fará sen culpa.
Meu fillo, se non espertas, non chegarás;
se non procuras, non atoparás.
11Hai quen se esforza, bole e corre
e así e todo queda atrás.
12E hai quen é pobre e coitado,
falto de todo e cheo de miserias,
mais a ollada de Iavé obsérvao con favor
para erguelo da lama que o lixa.
13Alzalle a cabeza e exáltao
e moitos admíranse por causa del.

**Nas mans de Deus**

14Ben e mal, vida e morte,
pobreza e facenda, veñen do Señor;
15sabedoría e prudencia e o saber falar
veñen do Señor.

**11**, 2-3 A comparanza coa abella, típica dos sabios, é moi frecuente na literatura proverbial grega, polo que é posible que no v. 2, coa súa mención da beleza corporal, atopemos parte dunha polémica contra o modelo humano grego da fermosura externa e interna (“kalós kai agazós”).
**11**, 12-13 Esta defensa da misteriosa liberdade de Deus, por riba dunha orde fixista do mundo, é o que diferenza esta síntese teolóxica das cosmovisións exipcias e mesopotámica e do estoicismo grego.
**11**, 14-17 Inducido polo tema tratado na sección anterior, Ben Sírah aborda nestes versos e na perícope seguinte o enguedellado problema da retribución, defendendo as teses tradicionais de escola, que foran postas en cuestión por Xob e Qohélet.
**11**, 15 A segunda parte do v. presenta unha lectura difícil, da que os tradutores foxen acudindo ao grego, que le “amor”, ou interpretando “castigo”. Aquí mantense o texto hebreo “erro”, pois o autor non avoga por un determinismo fatal, senón polo feito da cooperación do Señor en toda acción humana; o efecto de seu pende da responsabilidade dos homes, como se pode deducir dos vv. 16. 17.

O erro e os camiños rectos
veñen do Señor.
16A necidade e a tebra foron feitos para os pecadores
e a desfeita failles compaña aos malvados.
17A recompensa do xusto vén do Señor
e a súa benevolencia faino feliz para sempre.

**Retribución e traballo**

18Hai quen se enriquece pasando estreituras,
a quen sempre lle é pouco o que gaña,
19e cando di: "Xa podo acougar,
agora vou comer do que gañei";
non se decata de cando será o día prefixado
no que teña que deixar o seu a outros e morrer.
20Meu fillo, mantente na túa tarefa e matina nela,
que poidas chegar a vello no teu labor.
21Non admires os malvados;
confía no Señor e agarda a súa luz,
pois ben doado é aos ollos do Señor
enriquecer de súpeto a un pobre.
22A bendición do Señor é a partilla do xusto:
no momento oportuno florecerá a súa esperanza.

23Non digas: "Que proveito tirei de facer o meu traballo?
De que me serve agora?".
24Non digas: "Teño o que me cómpre.
Que mal me pode vir?".
25O ben dun día fai esquecer a desgraza,
o mal dun día fai esquecer a felicidade.
26Ben doado é para o Señor retribuír ao home
no día da súa morte segundo os seus feitos.
27Chega o tempo da desgraza e fai esquecer os goces:
é no remate cando un home amosa o que era.
28Non chames a ninguén feliz
antes de inquirilo con certeza,
pois é no remate cando se mostra se o era de certo.

**Estraño no casal**

29Non invites na túa casa a calquera,
pois o moinante coñece moitos trucos;
coma gaiola chea de paxaros
así son eles por dentro, cheos de enganos.
30Coma ave pechada no cesto
é o corazón do soberbio,

**11**, 18-28 Ben Sírah sae ao paso dunha obxección: se todo pende de Deus, máis conta ten non facer nada. Desde outros presupostos vai repetir a doutrina xa proposta por Ecl **11** sobre o sentido da actividade presente, rexeitando por igual a ambición e mais a cobiza e a pasividade, e defendendo a perseveranza no esforzo e a esperanza.
**11**, 18-19 Propón un "caso", á maneira de "maxal" (exemplo tipificado): obsérvese a semellanza coa parábola de Lc **12**, 16-21.
**11**, 25-28 Fundamentación: o final do home e o xuízo de Deus dan o sentido do traballo.
**11**, 26 Este v., cunha afirmación de retribución "ultraterreal", segundo parece, atópase soamente na versión grega e siríaca e falta no hebreo; semella, logo, auténtico e demandado para a unión dos vv. 25 e 27.
De todos xeitos, a idea dun xuízo derradeiro e dunha esperanza baseada na fidelidade de Iavé co xusto, estaba a agromar nos círculos prefarisaicos e nos grupos apocalípticos. A non remota época das persecucións levaría á formulación expresa destes contidos (cf 2 Mac **7**, 9ss; Dn **7**, 18; etc.).
**11**, 28 Existe unha glosa ou duplicado: "Non chames a ninguén feliz antes de que morra, pois na fin coñécese o home".
**11**, 29-34 Este texto, difícil de reconstruír, vai recomposto de forma conxectural a partir do texto hebreo, e acordando co sentir máis unánime das versións modernas. Tratantes, espías, propagadores do helenismo, pasan pola casa do israelita medio, conmovendo o seu tranquilo modo de vida e poñéndoo en perigos; tales son os moinantes dos vv. 29-30, os mal intencionados críticos dos vv. 31-33.

é coma un lobo axexando á presa.
Moitos son os pecados do tratante:
é coma un can a engulir facendas;
violentamente chega o intermediario
poñendo preitos sobre todos os bens.
Axexa o moinante coma un oso
ao casal dos que o burlan
e procúrase unha fenda, como fan os espías.

31 O calumniador troca o ben en mal;
atopa defectos no que ti máis aprecias.
32 Cunha faísca multiplícanse as brasas
e o pérfido axexa para esparexer sangue.
33 Fuxe do malo porque xera o mal
para que tes que levar unha chata permanente?
Non te xuntes co malvado, para que non torza o teu camiño
e te afaste do teu compromiso.
34 Tes de hóspede un estranxeiro?
Trocará os teus costumes e distanciarate dos teus.

**Saber a quen se dá**

**12** 1 Se lle fas mal a quen é bo, a quen farás ben
de xeito que tires proveito da túa axuda?
2 Faille ben ao xusto e terás recompensa,
se non del, do Señor.
3 Non hai proveito no acorrer o malvado,
pois nin así dará esmola;
4 atoparás un mal dobre cando peor che veña
por todo o ben que lle teñas feito.
5 Non lle deas armas de guerra
para que non te ataque con elas,
6 pois Deus en persoa rexeita os malvados
e volve sobre eles a vinganza.
7 Dálle ao bo, négalle ao malvado,
axuda ao humilde, non lle deas ao fachendoso.

**Desconfianza**

8 Non se recoñece un amigo na prosperidade
nin disimula un inimigo na desgraza.
9 Cando un medra, mesmo o inimigo é compadre;
cando un vai mal, mesmo o veciño se afasta del.
10 Endexamais non confíes no inimigo,
porque a súa maldade enferruxa coma o bronce;
11 por máis que te escoite e se porte mainiño,
ti vixía e ten reparo del;
fai coma se descubrises un segredo
e saberás onde ía dar o seu celo.
12 Non o poñas á túa beira
para que non te chimpe e ocupe o teu posto;
non o deixes asentar á túa dereita,
pois cobizará o teu asento;

**11**, 34 Este v., de manifesto corte antihelenista (cf 1 Mac **1**, 11-15), parece recapitular a actitude do israelita fiel fronte á invasión cultural.
**12**, 1-7: Saber a quen se dá: dos inimigos e do trato con eles falan esta sección e a seguinte. Os nosos ollos e desde a realidade humana alumada por Cristo, o texto peca cando menos de inxenuo: pero non se debe esquecer o nivel de saber popular e de prudencia social, que, por máis que corrixible, non deixa de ter o seu punto. Lémbrese a xa aludida situación cultural e a crise na que estaba o iavismo ortodoxo.

daquela comprenderías as miñas razóns
e terías que xemer xunto comigo.

[13]Quen se apiada do encantador mordido
ou do que se achega á fera con dentes?
[14]Tal sucede co que se achega a home insolente
e se enguedella nas súas culpas.
[15]Mentres esteas de pé non deixa el ver quen é,
mais se tropezas non te manterá.
[16]O inimigo é todo dozura nos labios,
mais no seu interior pensa en abismos profundos;
tamén pode o inimigo ter bágoas nos ollos,
mais, se atopa ocasión, non se dará farto de sangue;
[17]chégache unha desgraza: alí anda el,
semellando apoiarte porache un tropezo;
[18]despois, abanea a cabeza, bate coas mans
e todo é murmurar e demudar a face.

**Diferenzas sociais: coidado co rico**

**13** [1]A quen toca a pez, pégaselle á man,
quen se xunta co burlón, aprende ao seu xeito.
[2]Non queiras erguer un peso co que non podes
nin te asocies co máis rico ca ti,
non xuntes a cunca co pote:
se este peta nela, esnaquízaa;
do mesmo xeito non se dan xuntado rico e pobre.
[3]O rico asoballa e aínda por riba gábase,
o pobre é humillado e aínda pide desculpas.
[4]Mentres lle sexas útil, servirase de ti;
cando afrouxes, prescindirá de ti.
[5]Mentres teñas do teu, falarache afable,
mais empobrecerate sen chisco de remorso.
[6]Se lle cómpres, farache as beiras,
rirá contigo, darache esperanzas,
dirache falangueiro: "De que tes necesidade?".
[7]Cos seus banquetes confundirate.
Mentres lle es de proveito, entrámpate;
por dúas ou tres veces meterache medo;
despois, cando te vexa, pasará de largo
e abaneará a cabeza en contra túa.

**Caciques e mandados**

[8]Gárdate de facer o fachendoso
para non semellares aos insensatos.
[9]Achégaseche un principal? Ti afástate;
e canto máis, máis te ha convidar.
[10]Non te aproximes para non seres apartado,
nin te arredes de xeito que te aborreza.
[11]Non ouses falarlle abertamente
nin deas creto ás súas moitas razóns,

**12**, 14 O hebreo engade: "non cesa ata que o lume o teña consumido".
**12**, 15 Existe tamén un duplicado: "mentres vai contigo non se descobre, mais se caes non se abaixa a socorrerte".
**12**, 16 Este v. é case unha paráfrase do que se di en Pr **26**, 24 ss verbo do murmurador.

**13**, 2-7: Coidado co rico: a crueldade, utilitarismo e desprezo do rico co humilde quedan ilustrados cunha plástica e un vigor expresivos que vai do proverbial v. 2 ao cadriño de costumes dos vv. 6 e 7. Toda a perícope é dunha perenne modernidade.

pois os seus numerosos discursos son para probarte
e entre sorrisos anda examinándote.
12Cruel é quen goberna e non se apiada da vida de moitos.
13Cóidate e está atento, non fagas compaña a homes violentos.

**Cuestión de feito: o irreconciliable**

15Todo animal ama os da súa caste
e así todo home o seu semellante.
16Todo animal emparella cos da súa especie,
tamén o home se une á súa raza.
17Que é o que une ao lobo co año?
O mesmo que une ao malvado co xusto.
18Como se van levar a hiena e mais o can?
Pois tampouco haberá paz entre o rico e o pobre.
19A presa do león son os asnos da estepa
e o pasto do rico son os pobres.
20Para a soberbia a humildade é de aborrecer,
para o rico é de aborrecer o pobre.
21Cando o rico tropeza, ten apoio no amigo;
se abanea o pobre: empúrrano de veciño en veciño.
22Discursea un rico: defendeo unha morea de xente;
por máis que diga parvadas danse por boas.
Fala un pobre e berran: "Veña, veña!";
xa pode ter razóns asisadas, que para el non hai posto.
23Un rico parola: faise silencio
e poñen polas nubes a súa discreción.
Fala o pobre e din: "E quen será este?".
E se tropeza, aínda por riba o empurran.
24É boa a riqueza cando é sen pecado
e a pobreza é ruín se a produce a soberbia.

**Conciencia**

25A conciencia do home trócalle a faciana,
sexa para ben, sexa para mal.
26Sinal de boa lei é un rostro relucente;
o xesto preocupado, sinal dun triste matinar.

**14** 1Benia o home a quen non dá mágoa o que poida ter falado
e non xeme baixo o xuízo da súa conciencia.
2Benia o home a quen non lle faltan azos
nin o abandona a esperanza.

**Cobiza e avaricia**

3Ao avaro non lle convén a riqueza
nin ao cobizoso o ouro;
4quen o nega para si, apaña para outro;
dos seus bens gozará un estraño.
5Quen para si mesmo é duro, para quen será bo?,
se nin sequera el goza dos seus bens.

**13**, 14 O texto hebreo e mais o grego omiten o v. 14: "Cando escoites cousas tales entre soños, érguete, e toda a túa vida ama ao Señor, invocándoo para te salvares".
**13**, 15-24 Leu Sírah con acedo desencanto as profecías isaianas sobre a felicidade do tempo escatolóxico? Os vv. 17 e 18 semellan contradicilas. O que non deixa dúbida é o ton de condena e protesta que implica, na función expresiva das súas palabras, a constatación dos feitos.
**13**, 25s *Conciencia*: o "macarismo" ou benaventuranza é unha das típicas formas literarias sapienciais. De seu o termo hebreo "axré", que traducimos "benia", vale tanto coma dicir: "digno de envexa é...", ou "digno de loanza...", facendo sempre relación a unha opinión pública. O xurdir da conciencia individual como base da valoración moral foi sen dúbida obra dos sabios xa desde a antigüidade exipcia e mesopotámica. A depuración psicolóxica da observación de Ben Sírah e a dimensión que nel acadan os procesos interiores do home son, pois, algo novo, paralelo ao proceso de interiorización da fe que amosa a súa relixiosidade.

[6]Ninguén hai máis ruín ca o ruín consigo mesmo,
leva consigo a paga da súa maldade.
[7]Se fai un favor é sen se decatar
e ao cabo amosa a súa mesquindade.
[8]Mal home é o cobizoso
que volve a cara e despreza as vidas doutros.
[9]Para o ollo do avarento a súa parte sempre é pequena,
mais en tanto rouba a do veciño, perde a súa.
[10]O ollo do envexoso cobiza o pan,
en tanto, a súa mesa fica baleira.

[11]Meu fillo, se tes con que, aprovéitao;
se tes con que, trátate ben.
[12]Lembra que no xeol non hai goce
e que a morte non tarda
e que o momento fixado para ir á cova non cho dixeron.

[13]Antes de morreres trata ben ao amigo
e ofrécelle de acordo co que teñas.
[14]Non te prives da felicidade presente
nin deixes fuxir unha parte dun desexo lexítimo.
[15]Non vas deixar a outro a túa facenda
e o froito dos teus traballos aos que fan as partillas?
[16]Dálle a teu irmán e queda ti mesmo satisfeito
pois en van procurarás praceres no xeol.
[17]Toda carne se vai estragando coma un vestido
pois o decreto perenne é: "Tes de morrer".
[18]Como agroman as follas nunha árbore vizosa,
e mentres unha murcha outra abrocha,
do mesmo xeito as xeracións de carne e sangue:
cando unha acaba, nace outra.
[19]Así perecen todas as súas accións,
e as obras das súas mans seguirán despois del.

**Feliz o sabio**

[20]Feliz o home que cavila na sabedoría
e se considera da intelixencia,
[21]que pon a atención nos seus camiños
e medita nos seus vieiros,
[22]o que sae tras ela para axexala
e observa as súas cancelas;
[23]olla polas súas fiestras,
escoita nas súas portas,
[24]pon campo arredor do seu casal
e crava as estacas no seu muro;

**14**, 10 O texto hebreo engade: "o xeneroso multiplica o pan e mesmo dunha fonte seca tira auga para a mesa".
**14**, 12 *O xeol* ao que se fai referencia no v. 12 é o mundo da ultratumba no que acougan as sombras dos seres humanos, desprovistas de actividade e mesmo da posibilidade de loar a Deus; non inclúe, así e todo, un aspecto punitivo, pois é común a todos os mortos (polo menos na época e mentalidade de Ben Sírah, non así na incipiente apocalíptica).
**14**, 15 Alúdese ao costume do testamento como herdanza material legada de acordo cun documento xurídico, feito novo introducido sen dúbida polo influxo helenístico.
**14**, 16 O texto hebreo inclúe unha glosa de tipo xeral: "canto estea ben facer, faino na presenza de Deus".
**14**, 18 É particularmente interesante a inclusión desta comparanza que asemella a vida do home á caída das follas na outonada; unha figuración parella atópase, case coas mesmas palabras, en dúas pasaxes da Ilíada de Homero, e non é aventurado supor o coñecemento deste autor clásico, ao que o helenismo contribuíu a espallar por todo o mundo coñecido, por parte de Ben Sírah. Compárese co verso anterior, onde a mesma idea recolle un símil clásico no mundo semítico (cf Xob **13**, 28).

[25]estende a súa tenda a carón dela,
abofé, deu con boa morada.
[26]Pousa o niño na súa fraga,
acouga nas súas pólas;
[27]repara da calor á súa sombra
e habita nos seus refuxios.

**15** [1]Deste xeito compórtase quen teme o Señor,
pois quen se aferra á lei, acádaa.
[2]Sairalle ao encontro coma unha nai
e acollerao coma a nova casada.
[3]Manterao co pan da prudencia,
daralle a beber auga de sinxeleza;
[4]se se sustenta nela non abaneará,
confiará nela e non será confundido;
[5]soerguerao por riba dos seus compañeiros,
para darlle a palabra no medio da asemblea;
[6]atoparase co gozo e a ledicia,
ela procuraralle sona perdurable.

[7]Non se fan con ela os homes vans
nin a albiscarán os fachendosos;
[8]fica lonxe dos burleiros,
non se lembran dela os mentireiros.
[9]Non acae ben a súa loanza na boca do perverso,
pois Deus non lla concedeu.
[10]Pola boca do sabio exprésase a súa loanza
e quen a domina, ensínaa.

**O mal non vén de Deus**

[11]Non digas: "De Deus vén o meu pecado";
pois El non fai aquilo que aborrece.
[12]Nin digas: "Foi El quen me fixo caer";
pois non ten El que ver cos pecadores.
[13]O Señor odia a maldade e a abominación
e non llelas propón aos que o temen.

[14]Desde o comezo Deus creou o home
e deixouno á súa libre intención.
[15]Se ti queres, podes gardar o precepto,
facer a súa vontade é sinal de intelixencia.
[16]Puxo diante de ti o lume e mais a auga:
bota a man ao que prefiras.
[17]Diante de cada home están a vida e a morte:
o que desexe, iso daráselle,
[18]pois grande é a sabedoría do Señor,
El é potente e egrexio e todo o dexerga.

**14**, 25 Neste v. atopan algúns unha referencia recollida polo prólogo do Evanxeo de Xoán (1, 14).
**15**, 2ss A metaforización da sabedoría como figura feminina que atrae ao discípulo, é xa coñecida por Proverbios. As variantes de noiva, esposa, nai, mestra, aparecen tamén noutros libros sapienciais, incluído o da Sabedoría de Salomón.
**15**, 11-20 Dunha banda un certo iavismo tradicional ou popular, cunha interpretación mítica da retribución; e doutra o helenismo fatalista, favorecían a descarga da responsabilidade en Iavé. Perante este ataque á bondade e grandeza de Deus, Ben Sírah responde cun método característico da pedagoxía sapiencial, o dialogal: nos vv. 11-13 expón a escapatoria sofista dos que declinan responsabilidades e pon o principio básico (v. 13); nos vv. 14-20 desenvolve a doutrina en maneira positiva.
**15**, 14 Traducimos por *intención* a verba "iéxer". Aquí aínda ten o sentido do acto voluntario cara a unha banda ou cara a outra; máis adiante, nos escritos atopados nos covas de Qumrân, terá xa o sentido da tendencia ao mal, posta no corazón do home.
**15**, 15 O texto hebreo engade: "e crendo nel, tamén ti vivirás".

19 Os ollos de Deus contemplan as súas criaturas
e El penetra as accións de cadaquén.
20 Non lle mandou ao home que pecase
nin deu pé aos homes falsos.

**Deus xulga**

**16** 1 Non te deleites no bo parecer de mozos nugalláns
nin goces en ter fillos impíos:
2 aínda que fosen moitos, non te aledes neles
se lles falta o temor do Señor;
3 non confíes en que estean vivos
nin esperes no seu porvir:
non van ter unha boa posteridade,
pois mellor é un que fai o seu deber ca non milleiros,
e morrer sen fillos mellor é que ter descendentes soberbios.
4 Por un que tema a Deus xa se enche unha vila,
mentres un fato de perversos a arruína.

5 Moitos casos semellantes teño eu visto
e o meu oído escoitou meirandes cousas;
6 contra unha morea de malvados foi prendido o lume,
contra unha nación impía alampou a ira;
7 non deixou impunes aos xigantes antigos
que se revolveron na súa arrogancia,
8 nin perdoou aos veciños de Lot
ao se excederen con fachenda;
9 tampouco houbo piedade para o pobo danado,
que foi desposuído pola súa culpa:
10 tal aconteceu aos seiscentos mil de a pé
exterminados polo seu ánimo orgulloso,
11 de xeito que aínda que fose un só o teimudo,
milagre sería que ficase impune.
Verdade é que nel van xuntas misericordia e carraxe,
e que transixe e perdoa,
mais sobre os pecadores bota o seu furor.
12 Grande coma a súa compaixón é o seu castigo
e xulga a cadaquén de acordo cos seus feitos.
13 Non fuxirá o malvado co seu furto
nin constantemente será o xusto privado da súa esperanza.
14 Para quen faga esmola haberá premio
e cadaquén será tratado de acordo coas súas obras.
16 As súas misericordias están á vista de todas as criaturas,
El reparte luz e tebra aos seres humanos.

**Deus todo o ve**

17 Non digas: "Escondinme de Deus,
quen se vai acordar de min alá arriba?

**15**, 20 O texto hebreo glosa: "non se conmove co que fai tolerías, nin con quen descobre un segredo".

**16**, 1-16: Deus xulga: temos diante outro modelo de argumentación: partindo dunha amoestación (vv. 1-4), para rematar cunha exposición da doutrina dunha teodicea que se expresa en palabras máis abstractas.

**16**, 15 Glosa, ou versículo fóra do seu posto; este v. falta nos testemuños do grego e da Vulgata, excepto algúns poucos códices: "Iavé endureceu o ánimo do Faraón para que non o coñecese, e deste xeito quedasen patentes as súas obras baixo o ceo".

**16**, 16 Tamén este v. falta, como o 15, pero adáptase mellor ao contexto, se ben podería estar glosando o v. 12 en ton de himno.

**16**, 17-23 Estes vv. configuran unha pequena instrución na que se sae ao paso dunha obxección impía (vv. 17. 20-22); respóndese dunha banda cun argumento en clave hímnica, tirado da lingua dos salmos teofánicos (cf Sal **18**; **68**; **97**; **104**), que relembra o poderío de Deus sobre a súa creación; e doutra, cun xuízo de valor que pecha a discusión (v. 23).

Entre tanta xente non me recoñecerán,
que son eu entre tal multitude de persoas?”.
18Velaí os ceos e o máis alto dos ceos,
o océano e mais a terra:
cando descende para eles, tremen;
cando pasa revista, abanéanse.
19Tamén os raigaños dos montes e os alicerces do orbe
se conmoven cando Deus lles bota unha ollada.
20Pero en min non vai reparar,
quen descubrirá o meu proceder?
21Se peco, ninguén me verá;
se minto ás furtadelas, quen o sabe?
22E quen lle vai ir contar as miñas boas obras?
Que esperanza vou ter se cumpro co debido?

23Xente sen siso matina deste xeito,
tal é o pensar dos parvos.

**Deus creador é quen xulga**

24Escoitádeme e aprendede da miña discreción,
poñede atención nas miñas verbas;
25vou expoñer con tino o meu pensamento
e a dar razón con xusteza do que eu sei:
26Cando no comezo Deus creou as súas obras,
non ben existiron, distribuíulles os papeis;
27organizoulles para sempre as tarefas
e os seus elementos por xeracións.
Nin pasan fame nin cansan
nin fallan nos seus traballos;
28ningunha molesta a súa veciña
e endexamais non desobedecen o seu mandado.
29Despois ollou o Señor para a terra
e encheuna cos seus bens;
30cubriulle a faciana con toda caste de viventes
que a ela deberán volver.

**17** 1Da terra creou o Señor ao home
e de novo faino volver a ela.
2Concedeulle días contados, un tempo xusto,
e deixou no seu poder canto hai sobre ela;
3revestiuno dunha forza coma a súa e fíxoo á súa imaxe.
4Impuxo o temor do home en toda criatura,
para que impoña o seu dominio nas bestas e nas aves.

6Dotounos de discernimento, lingua e ollos,
deulles oídos e unha mente para cavilar;
7encheunos de sabedoría e intelixencia,
mostroulles o ben e o mal;
8púxolles a súa luz nos corazóns,
para lles amosar a magnitude das súas obras,
9de xeito que pregoen a grandeza dos seus feitos
10e loen o nome santo.

**16**, 24ss Proseguindo co tema suxerido nos vv. 18-29, o autor vai remachar a idea do poder do xuízo e do total coñecemento que Deus ten das accións humanas, apoiándose nunha teoloxía da creación.

**17**, 5 Este v., conservado en poucos códices gregos, engadía unha glosa psicoloxizante de sabor estoico: “Recibiron do Señor o uso das cinco facultades, e como sexta, foilles concedida a intelixencia, e a sétima foi a palabra, intérprete das facultades”.

[11]Engadiulles a ciencia
e concedeulles en herdanza a lei da vida.
[12]Concluíu con eles unha alianza eterna
e deulles a coñecer as súas determinacións;
[13]cos propios ollos contemplaron a dimensión da súa gloria
e os seus oídos escoitaron a súa voz magnífica;
[14]e díxolles: Gardádevos de toda impiedade;
e deu a cadaquén mandatos verbo do seu próximo.

[15]A súa conduta tena sempre diante,
non se esconde aos seus ollos.
[17]A cada pobo púxolle un gobernante,
mais Israel é a porción do Señor.
[19]Todas as súas accións son para El manifestas coma o sol
e os seus ollos pousan decote nos camiños deles,
[20]nin lle foxen as inxustizas que fan
e todos os seus pecados fican diante do Señor.
[22]A esmola que un home fai vale para El coma un selo
e o favor feito gárdao coma a propia pupila;
[23]erguerase polo tanto para recompensalos
e fará recaer sobre cadaquén o que lle cómpre.
[24]Aos que se arrepintan permitiralles volver
e dará consolo aos que perdan a esperanza.

**Chamada á conversión**

[25]Volve ao Señor e deixa os pecados,
prega diante del e reduce as caídas;
[26]torna para o Altísimo e afástate da inxustiza,
refuga con forte pulo a iniquidade;
[27]pois quen vai loar o Altísimo no Hades
igual que o fan os que viven confesándoo?
[28]Para un morto que xa non existe rematou a loanza;
é o vivo e quen ten saúde quen loa ao Señor.
[29]Que grande é a piedade do Señor
e o perdón para os que volven cara El!
[30]Pois entre homes non todo é posible,
xa que o ser humano non é inmortal.
[31]Que cousa hai máis resplandecente ca o sol?
Non obstante, eclípsase.
[32]El é quen pasa revista ao exército das alturas do ceo,
mentres que os homes todos son terra e cinsa.

**17**, 15-24 Deus coñece o obrar dos homes. O texto é de non doada reconstrución, pola multiplicación de glosas e de acrecentamentos israelizantes. Tres versos semellan ser só glosas da versión grega: v. 16: "Pois os seus camiños tenden ao mal desde a mocidade, e non foron tales de trocar os seus corazóns de pedra en corazóns de carne"; v. 18: "a quen como vinculeiro acariña con disciplina, e, distribuíndolle a luz do seu amor, non o deixa da man"; v. 21: "e o Señor, que é bo e sabe de que están feitos, nin os refuga nin os deixa, senón que os perdoa". Ao comezo do v. 17 a versión latina antiga engadía: "cando repartiu por toda a terra as nacións", sen dúbida como intento de integración dese verso que está fóra de contexto, e o mesmo fai ao remate do v. 22: "repartindo a conversión aos seus fillos e fillas".
**17**, 22 A importancia do *selo* débese ao seu valor como instrumento xurídico acreditativo da propiedade; de tal valor vén o uso de levalo sempre consigo, xa pendurado cunha liña do pescozo ou a xeito de pulseira no brazo (cf Ct **8**, 6).
**17**, 24 Propón novamente a imaxe do Deus misericordioso, trazo sobranceiro na teodicea de Ben Sírah.
**17**, 25-32 Ao remate do longo complexo instrutivo comezado en **16**, 17, o autor pasa á amoestación en segunda persoa, para afincar a actitude de "volta a Deus": tal é o sentido do vocábulo co que o hebreo designa a conversión ("xub" = refacer o camiño, volver, afastarse dun vieiro).
**17**, 27 O termo *Hades* é o correspondente grego do hebreo "xeol", o mundo inferior, como queda patente no v. 28; sobre a non posibilidade de loanza, cf Sal **30**; 115.
**17**, 31 "E carne e sangue desexan o mal" semella ser un engadido.

**Deus, o home e a piedade**

**18** [1]Aquel que vive eternamente creou todo xunto.
[2]Só o Señor leva razón.

[4]A ninguén lle foi dado o poder proclamar as súas obras.
Quen pescudará as súas grandezas?
[5]Quen calculará o poderío da súa maxestade
ou quen poderá narrar as súas misericordias?
[6]Non se lle pode minguar nin engadir
nin é doado descubrir as marabillas do Señor.
[7]Cando o home remata, entón comeza El;
se un para a pensar, fica atónico.

**Dar co corazón**

[8]Que é o home? Para que vale?
Que ten de bo ou de malo?
[9]O número dos días do home como moito son cen anos.
[10]Coma unha pinga de auga do mar ou un gran de area,
así son os seus poucos anos perante o día eterno.
[11]Velaquí por que Deus ten mesura con eles
e esparexe sobre eles a súa piedade;
[12]El ben sabe que o seu remate é miserento,
por iso fai medrar o perdón.
[13]O home ten piedade do seu próximo,
mais o Señor apiádase de todo canto vive
reprendendo, corrixindo, ensinando
e recuperando, coma o pastor a súa grea.
[14]Apiádase dos que acollen a corrección
e dos que aceptan as súas disposicións.
[15]Meu fillo, cando fagas favores non os mestures con críticas,
nin verbas molestas con dádivas.
[16]Non calma o orballo a quentura?
Pois a palabra fai mellorar a dádiva.
[17]Abofé, máis vale unha palabra ca un bo regalo;
ambos os dous atópanse no home cortés.
[18]O insensato aldraxa de malas maneiras
e a dádiva do envexoso irrita os ollos.

**A precaución**

[19]Antes de falares, instrúete;
antes de caeres enfermo, cóidate;
[20]antes de seres xulgado, examínate:
cando se che pidan contas serás perdoado;
[21]antes de enfermares, humíllate;
e cando peques, mostra que te arrepintes;
[22]nada te demore en cumprir un voto ao seu tempo,
non esperes a morte para pagar a débeda.
[23]Antes de faceres promesa, prepárate;
non sexas coma quen tenta ao Señor.
[24]Pensa na carraxe dos últimos días,
no momento da vinganza, cando El torna a face.

**18**, 2 Algúns manuscritos amplifican, engadindo: "Non hai outro fóra del".
**18**, 3 A Vetus Latina inclúe o v. 3: "El goberna o mundo cun xesto da man e todo obedece á súa vontade, pois co seu poder é Rei do universo, que dirime entre o sagrado e o profano", reiterativo e en exceso teórico.
**18**, 13 A imaxe do *pastor*, que noutros contextos tiña orixe na terminoloxía rexia (reis como pastores dos pobos), acada aquí o seu sentido natural de corte sapiencial e fainos acordar da parábola evanxélica.

25 Lembra a fame no tempo da fartura,
a pobreza e a miseria no tempo da riqueza.
26 Do amencer ao solpor o tempo cambia,
todo pasa axiña ante o Señor.
27 O home sabio mantense sempre presto,
no tempo de pecados presérvase da falta.
28 Todo home asisado coñece a sabedoría,
quen dá con ela merece ser loado;
29 tamén os de razóns sutís se fan sabios
facendo chover ditos axustados.

**Control das paixóns**

30 Meu fillo, non te deixes levar das túas paixóns,
frea os teus degoiros,
31 pois se es condescendente á satisfacción do teu desexo,
faraste motivo de riso para o teu inimigo.
32 Non te aledes por un momento de pracer
que vai dar nunha pobreza dobre.
33 Non sexas lambón nin bébedo, se tes o peto baleiro.

**19** 1 Quen tal fai non chegará a rico,
quen desbota o pequeno arruínase aos poucos.
2 O viño e as mulleres volven o ánimo lercho
e quen se xunta con rameiras faise máis desvergonzado aínda;
3 a podremia e os vermes farán presa del,
pois o temerario será aniquilado.

**Do falar e das murmuracións**

4 O que axiña confía é un espírito lixeiro,
e quen peca faise mal a si mesmo;
5 quen se goza no mal será danado,
6 quen aborrece as lerias diminúe en malicia.
7 Non vaias repetindo unha murmuración e ninguén te amolará;
8 non leves contos a amigo nin inimigo
e se non é con dano teu, non o reveles,
9 doutro xeito quen te escoite gardarase de ti e chegará a odiarte.
10 Escoitaches algo? Que morra contigo!
Resiste, que non vas estoupar.
11 Diante dunha noticia o insensato entra en dores
coma a parturiente ao chegar o neno.
12 Coma unha frecha espetada na coxa
é unha noticia na entraña do parvo.
13 Inquire do teu amigo: pode que non fixese nada;
e se fixo algo, para que non continúe.
14 Inquire do veciño; pode que non dixese nada,
e se dixo algo, para que non o repita.
15 Inquire do teu amigo: dinse tantas calumnias!
Non deas creto a todo o que se fala!

**18**, 27 A alusión ao *tempo de pecados* pode ter que ver coa incipiente situación de apostasía diante da invasión cultural grega.
**18**, 28-29 O "saber" ten xa que ver coa actitude relixiosa, por máis que manteña a súa raiceira literaria.
**18**, 30ss A pedagoxía ética sapiencial non avogaba por unha "ataraxia" (carencia de paixóns), mais si tentaba refreala; neste caso, amosando os efectos toleiráns da gula (a bebida inmoderada) e a luxuria. O tema e motivacións desta instrución son frecuentes en Pr, e en concreto traen á memoria a instrución real da nai de Lemuel (Pr **31**, 2-7). Cf tamén **23**, 19ss.
**19**, 4-5 A versión latina engade, ao remate do v. 4 e ao comezo do v. 5: "Quen refuga os praceres, coroa a propia vida; o que pon freo á lingua, vivirá en sosego".

[16]Tamén hai quen esvara sen pretendelo.
Quen hai que nunca pecase coa lingua?
[17]Inquire do teu veciño antes de chegares ás ameazas,
e deixa lugar á lei do Altísimo.

**Falsas sabedorías**

[20]O temor de Deus é o celme de toda sabedoría
e en toda sabedoría hai cumprimento da lei.
[22]Non é sabedoría coñecer a malicia
nin prudencia o matinar dos pecadores.
[23]Hai unha habilidade que é abominable
como existe un parvo que carece de sabedoría.
[24]Mellor é o minguado de siso, máis temeroso,
ca o que abonda en intelixencia e viola a lei.
[25]Hai sagacidade sutil, mais inxusta:
a de quen recorre a manexos para se dar aires de recto.
[26]Hai quen camiña cangado pola coita,
mais no seu interior está cheo de engano;
[27]baixa a cabeza, faise o xordo,
Mais, cando non te decatas, aprovéitase de ti;
[28]e se por falta de forzas non pode pecar,
cando atope ocasión fará o mal.
[29]Polo aspecto coñécese o home
e polo porte da faciana o sabio.
[30]O atavío dun home, o riso dos seus labios
e o xeito de camiñar amosan o seu carácter.

**A arte de corrixir**

**20** [1]Hai correccións fóra de tempo
e tamén hai quen, calando, amosa siso.
[2]Canto mellor é corrixir que alporizarse.
[3]O que confesa a culpa líbrase dun mal peor.
[4]Coma o eunuco que arela desflorar unha virxe
é quen quere impor a xustiza pola forza.

**Calar e calar**

[5]Hai quen cala e pasa por sabio
e quen fala de máis e non hai quen o ature.
[6]Hai quen cala por non ter resposta
e quen cala porque agarda a súa quenda.
[7]O sabio cala ata o momento xusto,
o parvo non ten en conta a ocasión.
[8]O paroleiro faise odioso
e quen se adxudica a autoridade será aborrecido.

**Facendas, regalos, doazóns**

[9]Un home en angustias pode acadar fortuna,
mais tamén pode que unha ganancia traia ruína.

**19**, 17 Insiste no tema de deixar a xustiza a Deus; pero ao facelo citando a lei do Altísimo, algúns manuscritos enlazaron co tema do temor de Deus, co que dá principio a perícope seguinte, engadindo dous versos (18. 19): "O temor do Señor é o principio do progreso e a sabedoría gaña o seu afecto. Coñecer os mandatos do Señor é unha disciplina da vida, os que cumpren co que lle agrada recollerán da árbore da inmortalidade". Estes vv. están fóra de lugar, respecto do contexto anterior.
**19**, 21 Versículo aducido por poucos manuscritos; conserva un refrán fóra de contexto: "O criado que lle di ao amo: 'non farei o que che prace', aínda que despois o faga, enfadou a quen o mantén".
**19**, 22-23 Hai unha sabedoría inmoral que non é sabedoría auténtica: o lixeiro, o retranqueiro, o que "as sabe todas", o hipócrita, non son modelos de humanidade cumprida.
**20**, 4 A gratificación deste v. supera o tema concreto da instrución cunha máxima de sabedoría inmorredoira e marcadamente actual.

[10]Hai regalos sen proveito e regalos polos que pagar dobre.
[11]Hai quen por certos honores queda humillado
e quen desde a humillación ergue a cabeza.
[12]Hai quen merca moito a baixo prezo
e quen paga sete veces polo mesmo.
[13]O sabio con pouco faise amar,
os favores dos necios bótanse a perder.
[14]A dádiva do necio non che é de proveito,
pois espera unha compensación sete veces meirande;
[15]o que el dá é pouco, mais bótao moito en cara;
abrindo a boca coma pregoeiro,
presta hoxe e reclama mañá: un home así é de aborrecer.
[16]Di o parvo: "Non teño amigos,
ninguén agradece os meus regalos";
[17]os que lle comen o pan son malas linguas:
cantas veces e cantos se burlan del!

**Palabras fóra de tempo**

[18]Trae máis conta esvarar no chan que esvarar coa lingua;
–tan axiña chega a caída dos perversos–.
[19]Un home sen xeito é coma unha saída a destempo:
atópase decontino na boca dos ignorantes.
[20]Na boca do parvo o refrán estrágase:
nunca o dirá no momento xusto.

**Ánimos febles**

[21]Hai quen non pode pecar por pobreza
e así cando acouga non ten remorsos.
[22]Hai quen se perde por respecto humano
e quen se perde por descaro.
[23]Hai quen por timidez fai promesa a un amigo
e para si gaña un inimigo sen necesidade.

**Mentiras danosas**

[24]Chata grave no home é a mentira:
atópase sempre na boca dos malvados.
[25]Un ladrón é de preferir ao que mente a eito,
ambos os dous herdarán a perdición;
[26]o ámbito do mentireiro é a mala sona,
quédalle para sempre esa vergonza.

**A condición do sabio**

[27]Quen ten sabias razóns progresa
e un home asisado agrada aos grandes.
[28]Quen traballa a terra aumenta os seus monllos,
e a quen lles dá gusto aos grandes, perdóano.
[29]Regalos e agasallos cegan ollos sabios,
coma buceira na boca conteñen os reproches.
[30]Sabedoría oculta e tesouro escondido,
para que serven entrambos?
[31]Máis vale o que esconde a súa tolemia
do que esconde a súa sabedoría.

**20**, 24-26 A mentira como roubo e como baldón xa fora recollida en **1**, 14ss e **7**, 13.

**20**, 27-31 Ben Sírah incide nun aspecto que lle resulta particularmente importante: o saber non é unha capitalización de coñecementos, senón un instrumento de servizo.

**Pecado e sabedoría**

**21** [1]Se pecaches, meu fillo, non o fagas máis,
e pide perdón polas culpas pasadas;
[2]fuxe do pecado coma da cóbrega:
se te lle achegas, hate morder;
os seus dentes son dentes de león
que tollen a vida dos homes.
[3]Toda transgresión é coma espada de dous fíos,
non ten cura a súa ferida.
[4]O terror e a violencia arrasan a facenda
e o casal do soberbio tamén será arrincado.
[5]O laio do pobre vai da súa boca aos oídos de Deus,
o seu veredicto chegará de súpeto.
[6]Quen refuga a corrección vai tras as pegadas do pecador,
mais quen teme ao Señor convértese de corazón.
[7]De lonxe descóbrese ao farfallán,
mais o asisado sabe cando esvara.
[8]Quen constrúe a súa casa co diñeiro doutros
é coma quen amorea pedras para o seu sartego.
[9]O fato dos impíos é un feixe de estopa
e o seu final, unha labarada.
[10]O carreiro dos pecadores está ben lousado,
mais remata no abismo do xeol.
[11]O que garda a lei enxuga os seus instintos,
e o temor do Señor é o celme da sabedoría.

**O sabio e o necio**

[12]Non se poderá instruír quen non sexa espelido,
se ben hai habelencia que enche de amargura.
[13]O saber do sabio reborda coma a enxurrada,
o seu parecer é coma fonte viva.
[14]A mente do parvo é coma sella fendida:
non pode conter saber ningún.
[15]Se un home instruído escoita unha palabra sabia
pode apreciala, e aínda lle engade do seu;
tamén a escoita o toleirán, mais búrlase dela e bótaa ás costas.
[16]O relato do parvo é coma ter que facer camiño cun fardelo,
mais nos labios do intelixente atópase a graza.
[17]Na reunión procúrase o parecer do prudente,
as súas razóns darán en que matinar.
[18]Para o necio a sabedoría é coma un casal arruinado,
a ciencia do home sen siso son verbas sen xeito nin dereito.
[19]A disciplina é para o parvo coma pexas nos pés,
como ter encadeada a man dereita.
[21]Orla de ouro é a instrución para o asisado,
coma un brazalete no seu brazo dereito.
[20]O necio ri ás gargalladas, o sabio sorrí polo baixo.
[22]O pé do necio entra nunha casa ás présas,
o home de boas maneiras agarda fóra.
[23]O insensato desde a porta axexa a casa,
a un home correcto daríalle rubor.
[24]É de mal educado andar escoitando tras as portas:
para o prudente sería unha vergonza.

**21**, 1-11 Os sabios tradicionais trataran decote dos erros, da necidade, da tolemia; o pecado na súa vertente relixiosa non constituía motivo expreso do seu temario. Na presente instrución, Ben Sírah, escriba piadoso de novo cuño, introduce o tema relixioso en canto tal.
**21**, 20-23 Recompoñemos a orde dos vv. segundo o sentido obvio.

[25]Labios sen xeito argallan en cousas alleas,
mais as verbas dos prudentes sopésanse na balanza.
[26]Na boca teñen os parvos a súa mente,
na mente teñen os sabios a súa boca.
[27]Cando o impío maldí a Satanás
estase a maldicir a si mesmo.
[28]A si mesmo se lixa o murmurador
e aborréceno todos na bisbarra.

**O preguiceiro**

**22** [1]O preguiceiro semella un pelouro emporcado,
todo o mundo lle asubía do noxo que dá.
[2]O preguiceiro semella unha bosta,
quenquera que a toque sacode a man.

**Educar a tempo**

[3]Vergonza é para un pai dar vida a un fillo malcriado,
tamén é boa perda que lle naza unha filla.
[4]A rapaza prudente é un tesouro para o seu marido,
a rapaza lercha dá mágoa a quen a xerou.
[5]A desvergonzada afronta ao pai e ao marido;
ambos os dous a refugan.
[6]Botar un sermón a destempo é como levar música a un velorio;
corrixir co fungueiro sempre foi boa sabedoría.

**O necio é irrecuperable**

[9]Ponse a pegar rachas quen instrúe a un necio:
é como espreguizar a un durmiñón dun sono profundo.
[10]Tanto ten darlle razóns a un necio e darllas a un somnámbulo:
ao remate dirá: "Que pasou?".
[11]Chora por un morto: perdeu a luz;
chora por un necio: perdeu o siso.
Non chores tanto polo morto: xa acouga;
mais a vida do necio é peor aínda que a morte.
[12]O dó por un morto dura sete días,
o do necio e do impío dura toda a súa vida.
[13]Co necio non fales moito nin camiñes co parvo:
gárdate del para non ter molestias, para non te lixar cando batuxe;
evítao e terás acougo e non te importunará coa súa teima.
[14]Que hai máis pesado ca o chumbo?
Como se chama? O necio.
[15]A area, o sal, unha masa de ferro,
son máis doados de aturar ca un home sen siso.

**Plans e riscos**

[16]Entaboado de madeira encaixado no edificio
non se descompón co terremoto.
Do mesmo xeito, unha actitude afincada nun plan ben madurado
non se conmove co perigo.

**21**, 27 Este v., que se conserva só en grego, constitúe a primeira metáfora do mal personificado, non como mera figura metafórica dun acusador ou fiscal (que é o modo de xurdir "Satán" na lenda inicial do libro do Xob).

**22**, 1-2. Cf Pr **24**, 30-34. As comparacións no seu naturalismo sen rodeos, descobren a orixe popular; de feito aluden ás funcións hixiénicas de pedras e paus, propias tamén dos escritos de Qumrân.

**22**, 3-6 Educar a tempo: o tema volverá aparecer máis adiante (**42**, 9-14). O binomio fillo-filla é novo respecto de Proverbios, o que denuncia un cambio nos costumes e estrutura social. O consello dado insiste na corrección, por iso sobran os vv. 7-8, aducidos por algúns manuscritos gregos: "Fillos que levan vida honrada e están ben mantidos fan esquecer a caste humilde dos pais; fillos que se gaban de aldraxar con malas maneiras, fan perder a nobreza da súa familia".

17 Actitude afincada no cavilar argucioso
é coma adorno de pasta na parede de perpiaño.
18 Seixos pequenos por riba do muro non resisten ao vento;
mente timorata ante proposta tola, non resistirá ao medo.

**A fráxil amizade**

19 Quen fere nun ollo arrinca bágoas;
quen fere no corazón fai xurdir o sentimento.
20 Quen tira pedras aos paxaros, fainos fuxir;
quen aldraxa a un amigo, destrúe a amizade.
21 Por máis que teñas desenvaiñado a espada contra un amigo,
non desesperes: aínda hai retorno.
22 Por máis que teñas berrado cun amigo,
non teñas medo: podédesvos compor.
Mais a aldraxe, o desprezo, o contar un segredo é ferir a traizón:
iso é o que fai fuxir a un amigo calquera.
23 Acada creto ante o teu veciño namentres é pobre;
cando lle vaia ben tamén ti medrarás.
Mantente a carón del nos momentos difíciles,
para teres parte con el na súa herdanza.
24 Na lareira, vapor e fume preceden ao sangue.
25 Non me avergonzarei de protexer a un amigo
nin fuxirei de encontralo.
26 Se por culpa del me viñese algún mal,
quen o saiba xa se gardará del.

**Pregaria para comezar o ensino**

27 Quen porá garda na miña boca
e nos meus labios o selo da prudencia,
para non caer por causa deles
e para que a lingua non me bote a perder?

**23**

1a Señor, pai e dono da miña vida,
non me deixes caer por culpa deles.
2 Quen zorregará nas miñas matinacións
e porá na miña mente unha disciplina sabia,
que non pase por alto os meus erros
nin lle fuxan os meus pecados?
3 Para que non medren as miñas ignorancias
nin se acrecenten as miñas culpas,
de xeito que vaia caer diante dos meus contrarios
e se alede á miña conta o meu inimigo?
4 Señor, pai e Deus da miña vida,
1b non me abandones ao seu antollo;
5 non me consintas ter ollos altivos
e aparta de min a concupiscencia,
6 non me asoballen a gula e a luxuria
nin me abandones a un espírito impuro.

**22**, 27ss Nestes vv. (ata **23**, 27) trátase dunha verdadeira xoia arqueolóxico-literaria, case o resumo dunha lección de moral impartida por un sabio da época de Ben Sírah: pregaria (**22**, 27-**23**, 6); tema primeiro (**23**, 7-15); tema segundo (**23**, 16-27). A pregaria pertence a un xénero novo na escola sapiencial, e en nada se asemella ao mundo dos salmos cultuais. Importante é o feito de se dirixir a Deus chamándolle "pai" a título persoal e non en canto parte do pobo da alianza (vv. 1 e 4), e a referencia individualizante "da miña vida". Curiosa é tamén a psicoloxía que liga a imaxinación ceibe ao erro, á ignorancia e á culpa (vv. 2-3); e desde o punto de vista ascético, a relación da vaidade coa concupiscencia (vv. 5-6).

**O falar**

7Escoitade, filliños, o ensino sobre o falar;
a quen o garde non o atraparán.
8Polos labios enguedéllase o pecador,
por eles tropezan o maldicente e o soberbio;
9non afagas a túa boca ao xuramento
nin adoites pronunciar o Nome santo,
10pois así como o criado vixiado decontino
non fuxirá sen azoutes,
tamén quen xura e o nomea a cada momento
non ficará libre de pecado.
11Home que moito xura, abunda en impiedade
e non afastará a tralla da súa casa.
Se foi por descoido, leva enriba o pecado;
se o fai á lixeira, pecou dúas veces;
se xurou en falso, non o absolverán
e a súa casa encherase de desgrazas.
12Verbas hai de tal caste que semellan a morte:
que non se dean na herdanza de Xacob!
As xentes piadosas refúganas
para non se envorcar nos pecados.
13Non acostumes a boca á grosería impura:
tamén nela se atopa motivo de pecado.
14Pensa en teu pai e en túa nai
cando sentes entre os grandes,
non sexa que o esquezas diante deles
e te comportes coma un tolo;
desexarías non nacer
e maldicirías o día do teu nacemento.
15Home afeito a aldraxar
non se corrixirá en toda a vida.

**A inmoralidade**

16Dúas castes de seres amorean pecados
e a terceira atrae a carraxe:
17a paixón ardente coma lume aceso
que non esmorece ata ensumirse;
o home impúdico con alguén do seu sangue
que non cesa mentres o lume non o abrase
(para o home impúdico todo pan é doce,
non vai repousar ata que morra);
18o home que peca contra o propio leito
e di para o seu interior: "Quen me ve?
Rodéame a sombra, encóbrenme as paredes,
non me ha de ollar ninguén, de que vou ter medo?
Nin sequera o Altísimo lembrará os meus pecados".

19Teme a ollada dos homes
sen se decatar de que os ollos do Señor
aluman mil veces máis ca o sol,
esculcan todos os comportamentos humanos
e dexergan os recunchos máis recónditos;

**23**, 9 *O Nome* refírese a Deus, que como tal xa non era pronunciado na fala coloquial, por temor á falta de respecto.
**23**, 16-27 De saída enuméranse tres pecados (desexo malicioso, incesto e adulterio), pero a seguir coméntase soamente o caso terceiro; iso pódese deber ao feito de estar lendo un texto bíblico (por exemplo Lev **18**), que despois se aplica só ao problema que o mestre ten por máis urxente.

[20]coñece El canto pasa antes de que suceda
e, do mesmo xeito, despois de rematar.
[21]Ese será polo tanto castigado na praza pública,
será atrapado onde menos o espere.
[22]Parella sorte corre a muller que deixa ao marido
e lle dá por herdeiro un fillo alleo,
[23]pois, primeiro, desobedece a lei do Altísimo;
segundo, fáltalle ao seu marido;
e, terceiro, lixouse cun adulterio
xerando fillos dun home estraño.
[24]Esa será arrastrada diante da asemblea,
faranse pescudas sobre seus fillos;
[25]fillos semellantes non botarán raigaños
e as súas pólas non darán froito;
[26]deixará unha lembranza maldita,
non se limpará o seu escarnio.
[27]Entón decataranse os que veñen atrás
que nada vale máis ca o temor do Señor,
e que nada hai máis doce que gardar os seus mandados.

Volume II

**Eloxio da sabedoría**

**24** [1]A sabedoría fai a propia loanza
e gábase no medio do seu pobo;
[2]abre a boca na asemblea do Altísimo,
proclama a súa gloria diante do seu exército:

[3]"Eu saín da boca do Altísimo
e recubrín a terra coma a néboa;
[4]plantei a miña tenda no máis alto
e pousei o meu trono nunha columna de nubes.
[5]Eu soa rodeei o cerco dos ceos
e dei unha volta polo fondo dos abismos;
[6]tiven poder sobre as ondas do mar, sobre toda a terra
e en todo pobo e nación.
[7]Entre todos eles procurábame acougo
e a herdanza en que afincar a miña morada;
[8]foi entón cando o creador universal me ordenou
e o que me formou fíxome plantar a tenda,
dicíndome: "Afinca en Xacob,
colle por herdanza a Israel".
[9]Antes dos séculos, desde o comezo, creoume
e endexamais non deixarei de existir;

**23**, 27 Conclúe a lección de moral cunha consideración que torna a propor a actitude básica que percorreu todo o primeiro volume e aquí ten o seu remate: o cumprimento da lei e o temor do Señor son o vieiro seguro na vida. Este ensino deben tirar sempre de cada caso os discípulos de Ben Sírah.
**24**, 1-22 Poema de autopresentación: dun total de vinte e dous versos (número do alfabeto hebreo) estrutúranse outras dúas subseccións (vv. 3-12 e 13-22), cada unha de once versos. Un xeito de artellamento tan requintado amosaba, na sensibilidade da época, a importancia do que se ía transmitir. O tema é a orixe e destino da sabedoría. Nos vv. 3-12 preséntanse a súa universalidade e orixe divina con reminiscencias de Xén **1**, cando se fala dela como unha palabra de Deus ou unha néboa; ou a Éx **13**, 21-22, na referencia á nube.
**24**, 5-6 A acción simbólica alude ao acto xurídico da toma do poder por parte dun novo gobernante, que debía percorrer os confíns da bisbarra ou país que administraba.
**24**, 7-8 A sabedoría, calidade do cosmos, faise histórica e afinca en Israel por orde de Deus; "plantar a tenda" lémbranos, neste contexto creacional e histórico, o prólogo de Xn (**1**, 14).
**24**, 9 Remacha a idea de que esta sabedoría é creada por Deus, como corrección da tendencia daquel tempo á divinización mítica das calidades de Deus.

[10]oficiei na súa tenda santa, diante del,
e deste modo estableceume en Sión;
[11]do mesmo xeito, fixome acougar na súa cidade amada,
Xerusalén, onde goberno.
[12]Botei raiceiras nun pobo de moita sona
e teño a miña herdanza na parcela do Señor.
[13]Medrei coma o cedro no Líbano
e coma o ciprés nos montes do Hermón;
[14]crecín coma a palmeira en Engadí
e coma a roseira en Iericó,
coma a oliveira lanzal na chaira,
e medrei coma o plátano.
[15]Espallei un recendo coma o da canela e a lavanda
ou coma o da mirra refinada,
coma o gálbano, o ónix e o estoraque
e coma a nube de incenso na tenda;
[16]alonguei as miñas pólas coma o terebinto
e os meus ramos son maxestosos e belidos;
[17]coma unha vide agromei xeitosa,
as miñas flores dan froito soado e rico.

[19]Vide onda min os que me desexades
e enchédevos dos meus froitos,
[20]pois a miña lembranza é máis doce ca o mel
e a miña herdanza máis doce ca o favo.
[21]Os que me coman aínda han ter fame;
e os que me beban aínda han ter sede;
[22]quen me obedeza non terá que avergonzarse
e os que fagan as miñas obras non pecarán".

[23]Isto todo non é mais ca o libro da alianza do Deus Altísimo,
a lei que Moisés nos promulgou
como herdanza para as asembleas de Xacob.
[25]Coma o Pisón, vai chea de sabedoría,
ou coma o Tigris no tempo da enchente,
[26]énchese de intelixencia coma o Éufrates,
coma o Xordán nos días da seitura;
[27]coma o Nilo burbulla a instrución,
coma o Guihón no tempo da vendima.
[28]O primeiro aínda non a deu sabida,
tampouco o derradeiro non chegará a pescudala,
[29]pois o seu pensamento é máis amplo ca o mar
e o seu consello meirande ca o océano.

**24**, 12 *Parcela do Señor* pode facer referencia ao concepto de "segulah", co que se chama a Israel "propiedade privada de Iavé" en Dt **32**, 9.
**24**, 13-17 A sabedoría esténdese describindo o seu crecemento na terra de Israel: sete versos glosan, en sentido crecente, a metáfora vexetal que apareceu no v. 12, desde a floración ao froito, e facendo un reconto das árbores e flores, dos aromas e dos froitos da terra da Palestina, do norte ao sur, incluída a chaira veciña ao mar.
**24**, 15 Inclúe todos os produtos empregados na elaboración do incenso.
**24**, 17 Metáfora da vide, símbolo profético de Israel (cf Is **5**). Despois do v. 17 queda excluído como glosa un v. aducido unicamente por algúns manuscritos gregos, e empregado, con todo, na tradición litúrxica, en sentido mariolóxico: "Eu son a nai do amor puro e do temor, da ciencia e da santa esperanza; eu doume a todos os meus fillos, segundo El desde a eternidade os chama". A versión latina engade igualmente: "En min está toda a graza da vida verdadeira, en min repousa toda a esperanza da vida virtuosa".
**24**, 21 Esta idea da sede e da fame da verdade podería estar de fondo na pasaxe da samaritana en Xn **4**, 23.
**24**, 23-34 Comentario: o autor interpreta o poema dándolle un sentido novo e preciso, que supón unha síntese revolucionaria na teoloxía sapiencial: a sabedoría da natureza, posta por Deus en Israel, non é outra cousa cá lei. O feito da presentación en primeira persoa vén como pedido polo xénero do poema comentado, pero é tamén típico deste segundo volume, no que as intervencións persoais de Ben Sírah serán máis frecuentes. Cunha delas, de tema semellante ao destes versos, rematará toda a obra (**51**, 13-30).

30 Eu tamén xurdín coma regueiro de río
ou coma unha canle que vai dar nun xardín,
31 dicindo para min: Regarei a miña leira,
alagarei o meu horto.
Mais velaquí: o meu regueiro volveuse río
e o meu río trocouse nun mar.
32 Aínda farei brillar a ilustración coma o abrente,
fareina relucir ben lonxe.
33 Aínda hei espallar a miña doutrina coma unha profecía,
deixareina para as xeracións vindeiras.
34 Decatádevos de que non traballei só para min
senón tamén para todos os que a procuran.

**Gozos e dores de Ben Sírah**

**25** 1 Con tres cousas relouca o meu espírito,
cousas ben vistas do Señor e dos homes:
concordia entre irmáns, amizade co veciño,
muller e home que se levan ben.
2 E tres castes de xente aborrece o meu espírito
sen que ature o seu xeito de vida:
o pobre orgulloso, o rico falso,
o vello godallo e sen xuízo.

**Sabedoría da ancianidade**

3 O que non amoreaches na mocidade,
como o queres atopar na ancianidade?
4 Que ben di coas canas o bo tino
e cos anciáns o saber dar consello!
5 Que ben vai a sabedoría nos anciáns
e o matinar ponderado nos homes venerables!
6 A moita experiencia é coroa dos anciáns,
e o seu orgullo está no temor do Señor.

**Decálogo da felicidade**

7 Véñenme á mente nove cousas felices ao meu ver
e coa lingua vou proclamar a décima:
Benia o home que goza de seus fillos
e quen vive para ver a desfeita dos seus inimigos.
8 Benia o casado con muller prudente
e quen non ten que arar cun boi xunguido co burro.
Benia quen non esvara coa lingua
e quen non ten que servir a un inferior.
9 Benia quen atopa persoa comprensiva
e quen fala a oídos que escoitan.
10 E que grande é o que atangue a sabedoría!
Mais non é meirande ca o que teme o Señor:
11 o temor do Señor sobreponse a todo;
con quen comparar a quen o acada?

**24**, 30-34 A imaxe dos ríos caudalosos e profundos dos versos precedentes, trócase en metáfora de regadío, que serve para ilustrar a función do sabio, nova función profética, función de servizo.
**25**, 3-6 Sabedoría da Ancianidade: a interpelación inicial (v. 3) semella suxerida polo v. 2d, e dá pé ás exclamacións valorativas dos vv. 4-5 e á máxima final (v. 6). Podería ter de fondo a fábula da chicharra e a formiga, coñecida en todo o helenismo: quere ser unha cita do remate moral da fábula? Entón teriamos o procedemento típico de citación dun texto e comentario do mesmo por parte do escolante.
**25**, 7-11 Decálogo da felicidade, que se basea substancialmente nas realidades intramundanas dos valores familiares, económicos e de convivencia social, facendo, con todo, unha escala ascendente ata a sabedoría e o temor do Señor. Este concepto, reiterado no segundo volume (cf **40**, 26b-27), non será tan frecuente como no primeiro.
**25**, 8 Fai referencia a unha prohibición referida no Lev **19**, 19: alí, como exemplo de pureza legal ante as mesturas de seres opostos; aquí, probablemente como sinal de pobreza.

**Da muller**

a) *A esposa insoportable*

13 De feridas, calquera menos a do corazón;
de maldade, calquera menos a de muller;
14 de agresións, calquera menos a dos que odian;
de vinganzas, calquera menos a dos inimigos.
15 Non hai pezoña peor ca a da serpente
nin carraxe peor ca a da muller.
16 Prefiro convivir con león ou dragón
a ter que habitar con muller perversa.
17 A rabia da muller múdalle a cara,
ponlle a faciana fusca coma un oso;
18 cando o marido senta cos amigos,
mal que lle pese fóxenlle os salaios.
19 Toda maldade é pouca en comparanza coa da muller,
cáialle enriba a sorte do pecador!
20 Costa areosa para andar de vello
é a muller lingoreteira para un home quedo.

b) *A muller perversa*

21 Non te enguedelles en fermosura de muller
nin deas en desexar a súa facenda,
22 pois é unha escravitude e unha vergonza
que unha muller manteña o seu marido.
23 Ánimo coitado, faciana tristeira,
corazón ferido: muller perversa;
brazos cangados, xeonllos frouxos:
muller que non fai feliz o marido.
24 Por unha muller comezou o pecado
e por culpa dela todos morremos.
25 Non deas paso á auga
nin deixes falar libremente a muller ruín;
26 se non se somete, corta en seco e bótaa lonxe de ti.

c) *A muller boa*

**26** 1 Benia o marido de muller xeitosa:
os seus días serán duplicados.
2 A muller de valer engorda ao marido:
anos que viva, sempre andará ledo.
3 Muller boa, boa partilla:
tócalle en sorte a quen teme o Señor;
4 sexa rico ou pobre sempre dá bo tempo
e en todo momento pon cara riseira.

d) *A muller inmoral*

5 Tres cousas fanme tremer o ánimo
e unha cuarta arrepíame:
calumnia de vila, xuntanza de turba,
falsa testemuña: todo peor ca a morte.

**25**, 12 Algúns manuscritos da versión grega amplificaron o v. 11 engadindo un v. 12: "O temor do Señor é comezo do seu amor, mais a fe é o comezo da súa adhesión", de clara intención doutrinal e teolóxica á marxe do presente tema.
**25**, 13ss As cinco seccións seguintes (**25**, 13-**26**, 18) van xunguidas tematicamente, formando un tratadiño de varios aspectos acerca dun motivo clásico no programa da escola sapiencial: a muller.
**25**, 24 Alude a unha interpretación de Xén **3**, corrente xa na época do autor.
**25**, 26 Referencia ao divorcio (cf Dt **24**, 1-4), institución vixente no tempo de Ben Sírah.
**26**, 1-4 Semella un resumo do poema de Pr **31**, co que ten contactos verbais (compárese o comezo do v. 2 con Pr **31**, 10).

6 Dor de corazón e pranto é a muller que se cela doutra;
e a tralla da lingua ten que ver con isto todo.
7Muller perversa é coma un xugo frouxo
e quen a aferra pilla un alacrán;
8grande noxo dá a muller bébeda,
non lle será doado agachar o seu baldón.
9A imprudencia da muller nótaselle no ollar descarado,
coñéceselle ben no pestanexar.
10Diante dunha moza lercha reforza a garda,
non sexa que, vendo debilidade, se aproveite.
11Garda ben os ollos ante unha descarada,
non te estrañes se despois che falta,
12pois abre a boca coma viaxeiro sedento
e bebe da primeira auga que atopa;
senta diante de calquera esteo
e a calquera frecha abre a súa alxaba.

e) *A muller xeitosa*
13O engado da esposa aleda ao marido
e o seu siso refórzalle os ósos.
14Don do Señor é a muller calada
e non ten prezo a de boa educación.
15Graza sobre graza, a muller recatada,
nin se paga con nada a que se contén.
16Como raiola o sol por riba dos cumios,
así a beleza da muller na casa ben gobernada.
17Candea que aluma no santo lampadario
é unha cara belida sobre un corpo xeitoso.
18Columnas de ouro baseadas en prata
son as pernas lanzais sobre pés ben plantados.

**Escándalos**

28Dúas cousas énchenme o ánimo de tristura
e unha terceira de carraxe:
o paladín impedido pola pobreza,
o desprezo de homes intelixentes,
e o que vira da virtude ao pecado:
o Señor resérvalle a espada.

**26**, 11 A muller *descarada*, da que se fala, non é xa a estranxeira, senón a muller antitipo (a maliciosa en todo, bébeda, lasciva).
**26**, 12 O verso está cheo de connotacións eufemísticas, típicas da ética verbal dos sabios (cf Pr **5**, 15ss).
**26**, 13-18 Prudencia, modestia e fermosura son as virtudes femininas loadas polo autor, que chega a comparar a beleza corporal a algo sagrado e ao sumo valor estético (ouro e prata). Lémbrese que para os hebreos a estética é de substancias, non de formas. No tratado contrasta a desproporción entre os aspectos negativos e os positivos. Cómpre ter en conta a orixe popular de todos os refraneiros sobre a muller, reflexo de sociedades masculinas, e a característica de tópico de escola que o tema tiña (moito máis acusado por exemplo en Ecl **7**, 26-29). O novo en Ben Sírah é a apreciación da fermosura e a elegancia física e a súa valoración positiva.
**26**, 18 O manuscrito grego 248 e a versión siríaca inclúen aquí nove versos non aducidos pola recensión grega breve, e dos que non existe texto hebreo; como tales, non son considerados orixinais nas traducións máis modernas. Son os das notas seguintes:
**26**, 19 Filliño, conserva a flor da túa mocidade
e non deas a mulleres alleas o teu vigor.
**26**, 20 Despois de procurarte a leira máis fértil da bisbarra,
sementa a túa semente afiuzando na túa caste.
**26**, 21 Deste xeito os xermolos que te sucedan
medrarán orgullosos da súa liñaxe.
**26**, 22 Muller a prezo non vale un farrapo,
casada é cadea perpetua para os que gozan dela.
**26**, 23 Muller impía, tóquelle en sorte ao pecador;
a piadosa dáselle a quen teme ao Señor.
**26**, 24 Muller sen vergonza practica o máis infame,
moza recatada mesmo co marido é delicada.
**26**, 25 A muller impúdica será tratada como unha cadela,
a pudorosa temerá ao Señor.
**26**, 26 Muller que honra ao marido, a todos lles parece sabia;
á que o despreza por soberbia, todos a terán por impía.
Benia ao marido de muller xeitosa:
o número dos seus anos será duplicadodo (cf **26**, 1).
**26**, 27 Muller berrona e lingoreteira
é trompeta de guerra que anuncia unha carga;
quenquera que se encontre en tales condicións
pasará a vida entre liortas.

**Pecados do negociante**

[29]Dificilmente se libra de culpa o negociante
nin o tratante fica libre de pecado.

**27**

[1]Moitos pecaron por culpa da ganancia
e quen procura encherse desvía os ollos.
[2]Entre a xuntura das pedras afíncase unha estaca,
entre a venda e a compra cóase o pecado.
[3]A quen non é firme no temor do Señor,
ben axiña se lle derrubará o casal.

**A proba do home**

[4]Tras o abaneo da peneira, queda o farelo;
tamén queda o refugallo do home cando o examinan.
[5]As potas do oleiro saen segundo arda o forno,
un home é o que é segundo o que pensa.
[6]Conforme o que se coide unha árbore serán os seus froitos,
e o raciocinio segundo a inclinación que un teña.
[7]Non loes a ninguén antes de que razoe
pois tal é a proba dos homes.

**Vivir na verdade**

[8]Se persegues a rectitude, acadarala
e levarala vestida como túnica de gloria.
[9]Os paxaros pousan xunto cos da súa especie
e a verdade achégase aos que a practican.
[10]O león axexa a presa
e o pecado aos que cometen inxustizas.
[11]A conversa do home relixioso é sempre sabia,
o necio cambia coma a lúa.
[12]Demora o momento de ires cos insensatos,
cos intelixentes alonga a morada.
[13]A conversa dos parvos é molesta,
as súas risadas deléitanse no pecado.
[14]A linguaxe do xurafaz dá arrepío,
cando rifa tes que pechar os oídos.
[15]Liorta de fachendosos, derrama de sangue:
dá noxo escoitar as súas inxurias.

**Segredo e amizade**

[16]Quen descobre un segredo perde o creto,
non atopará amigo ao seu gusto;
[17]gaña un amigo e confía nel,
mais se descobres o seu segredo, non corras tras el,
[18]pois coma quen botou a perder a herdanza
botaches ti a perder a amizade do teu amigo;
[19]como se deixases fuxir da man un paxariño,
ao deixares irse o amigo, xa non o recuperarás.
[20]Non tentes seguilo, xa vai lonxe, escapou coma a gacela do lazo.
[21]É doado enfaixar unha ferida e reconciliar tras unha liorta,
mais para quen descobre un segredo, finou a esperanza.

**27**, 6 Este v. lembra o dito evanxélico: "polos froitos coñecerédelos".
**27**, 8-15 Vivir na verdade: O que é xusto (sédeq), o que é verdadeiro e firme (émet), que posiblemente están debaixo das palabras da versión grega, dado que non se conserva o texto hebreo, eran termos teolóxicos consagrados para significar o obrar de Deus para cos homes.
**27**, 9 A verdade como algo a practicar, non a pensar, é un concepto que ben pode completarse coa idea cristiá de Ef **4**, 15.
**27**, 11 Pode que estea xustificada a translación que algúns fan do v. 11 para despois do 15, en razón do sentido e como remate da instrución.
**27**, 16-21 O tema do segredo, coa secuencia da máxima, amoestación comparación da ave que foxe, xa fora tratado en **22**, 19-22.

**Comenencias**

[22]Quen chisca o ollo, traza cousa mala,
o que se decata diso afastarase del;
[23]diante de ti adozará a súa boca
marabillándose das túas razóns;
despois muda a linguaxe
e dálles ás túas verbas un sentido escandaloso.
[24]Moitas cousas aborrezo, mais ningunha coma esta;
tamén o Señor o refuga e o maldí.

**Onde as dan, lévanas**

[25]Quen tira a pedra ao alto, cáelle na cabeza,
quen bate a traizón leva parte nas feridas.
[26]Quen cava a cova irá dar nela,
quen tende unha rede enmarañarase nela;
[27]a quen fai o mal, háselle volver contra el
e non saberá de onde lle veu.
[28]Escarnio e aldraxe son cousas do soberbio,
mais a vinganza ándalle á espreita coma un león.
[29]Os que gozan coa caída dos piadosos serán pillados na trampa,
a dor faralles compaña ata a morte.

**Xenreira**

[30]Xenreira e asañamento son de aborrecer;
o pecador é quen os posúe.

**28** [1]Quen fai vinganza atoparase coa vinganza do Señor,
pediralle razón estreita dos seus pecados.
[2]Perdóalle a inxuria ao teu próximo
e entón, ao pregares, seranche perdoados os teus pecados.
[3]Home que lle garda a outro xenreira,
como lle vai pedir ao Señor que o cure?
[4]De alguén que é coma el non se apiada,
e vai rogar polos seus pecados?
[5]Se el, que é carne, mantén a ira,
quen lle vai expiar as súas culpas?
[6]Pensa na fin e deixa de asañarte,
recorda a corrupción e a morte e cumpre os mandamentos.
[7]Lembra os mandamentos e non rifes co próximo,
recorda a alianza co Altísimo e non lle deas valor á falta.

**O lume das liortas**

[8]Tente lonxe das rifas e minguarás os pecados,
pois é o home iracundo quen acende as liortas
[9]e o home pecadento quen perturba os amigos
metendo a disputa entre os que se levan ben.
[10]Segundo sexa a leña, alampa máis o lume;
segundo sexa a teimosía, agrándase a loita.
Conforme sexa a forza dun home, tanto máis se alporiza;

**27**, 22 O xesto de chiscar o ollo non significaba, como entre nós, pór en garda a alguén ou facelo confidente sobre o que se vai dicir por xogo ou con intención; era máis ben signo de maldade e rexistraba a presenza de alguén de mal natural ou mal intencionado (cf Pr **6**, 13).
**27**, 25-29 Unha serie de máximas de comportamento ilustra a doutrina sapiencial máis clásica da retribución inmanente: o feito malo libera unha forza maligna que recae sobre a cabeza de quen a produciu. Unha exemplificación é a relación soberbia-vinganza.
**28**, 2 O tema da relación directa entre perdón ao próximo e perdón de Deus é idea común nos escritos edificantes dos dous séculos anteriores á era cristiá (cf Testamentos dos XII Patriarcas); e na súa versión positiva atopámola en Mt **6**, 12 e Lc **11**, 4.

conforme sexa un rico, tanto máis se encoraxa.
[11]Faísca súbita acende o lume, liorta precipitada derrama o sangue.
[12]Sopras na muxica e alampa, cóspeslle enriba e apágase,
e ambas as dúas cousas saen da túa boca.

**Linguas maliciosas**

[13]Malia o murmurador e o de lingua falsa:
ten estragado moita xente de paz.
[14]Lingua de terceiros exiliou a moitos,
facéndoos pasar de nación en nación,
derrubou cidades fortificadas, arruinou pazos principescos.
[15]Lingua de terceiros fixo repudiar mulleres de valía
privándoas do froito dos seus traballos;
[16]quen lle presta oídos non terá máis acougo e xa non morará en paz.
[17]Un traballo deixa negróns, a zoupada da lingua quebra os ósos.
[18]Moita xente morreu a fío de espada,
mais non tantos como pola lingua;
[19]feliz quen se furta dela, a quen non alcanza o seu furor,
quen non tira do seu xugo nin vai atado coas súas cadeas;
[20]pois o seu xugo é de ferro e as súas cadeas de bronce.
[21]Duro é morrer por culpa dela, mellor ca ela é o Hades.
[22]Sobre os piadosos, con todo, non ten poder,
non se queimarán na súa labarada;
[23]caerán nela os que se afastan do Señor,
consumiraos sen esmorecer;
chimparase sobre eles coma un león.
esfaragullaraos coma unha pantera.
[24a]Mira: cingue a túa leira con sebe de toxos
[25b]e pecha a túa boca con porta e ferrollo;
[24b]encerra ben a túa prata e o teu ouro
[25a]e ponlles ás túas palabras balanza e mais pesas.
[26]Coida de non dares con ela un mal paso,
non vaias caer diante de quen te axexa.

**Problemas de xenerosidade**

a) *O préstamo*

**29** [1]Fai unha caridade quen lle empresta ao próximo,
quen bota unha man garda os mandamentos.
Empréstalle ao teu próximo cando o precise
e pola túa banda devólvelle no prazo acordado.
[3]Cumpre coa palabra, sé honrado
e en todo momento atoparás o necesario,
[4]porque moitos pensan que un empréstito é unha ganga
e enchen de preocupacións a quen os axudou.

**28**, 12 Observación curiosa polo concreta; na boca do home está, unha vez máis, o poder de conter as enerxías que desata a afectividade.
**28**, 14 *Lingua de terceiros* ("lixán telitá", no uso aramaico) fai probablemente alusión ao caso histórico da delación de Onías, que tivo que exiliarse baixo a presión seléucida.
**28**, 15 Pode referirse aos casos de divorcio precipitado, ocasionados polos procesos de puridade relixiosa e racial que seguiron á reforma iniciada por Nehemías.
**28**, 21-23 Amosan xa imaxes próximas ao mundo de representacións apocalípticas.
**28**, 22 Cf St **3**, 5-6.
**28**, 25b O xiro *porta e ferrollo* é un dos usos retóricos de Ben Sírah (cf **22**, 27; **42**, 6; **42**, 11), cando se trata de fuxir dun perigo.
**29**, 1-20 Ben Sírah vive nun mundo de necesidade e mercantilismo (cf **8**, 12), onde a miseria prolongada ou a indixencia repentina son feitos cotiáns; e pola outra banda o comercio pequeno e medio está exercido por homes das máis diversas procedencias non suxeitos a control ningún. Neste contexto inscríbense as tres instrucións seguintes unidas polo fío dunha actitude común: o xogo entre o sentimento de humanidade e a prudencia. En todas as tres ten un relevo especial a dimensión social do problema.

[5]Ata conseguilo, todo é bicarlle as mans
e abaixar a voz diante das riqueza do próximo;
no tempo de devolver, todo é aprazar,
responder con mal humor e botar a culpa á situación.
[6]Se ten con que, como moito recobrarase a metade,
e xa sería un milagre;
se non ten, defráudalle os bens e gaña por riba un inimigo
que retrucará con maldicións e insultos
e en vez de honra pagaralle con aldraxes.
[7]De xeito que moitos, non por mala vontade, néganse,
pois teñen medo de seren desposuídos sen razón.

b) *A esmola*
[8]Ti, non obstante, acorre o pobre
e non lle demores a túa esmola.
[9]En razón do mandamento, acolle o mendigo,
e segundo a súa necesidade non o despidas baleiro.
[10]Gasta o teu diñeiro por un irmán ou un amigo
e non se che perda enferruxado baixo a lousa.
[11]Coloca o teu capital segundo os mandados do Altísimo
e producirache máis ca o ouro;
[12]nas túas arcas garda con chave a esmola e librarate de todo mal;
[13]máis do que un rexo escudo e unha lanza forte
loitará ao teu favor contra o teu inimigo.

c) *A fianza*
[14]Un home de ben dá fianza polo seu próximo
e só quen perde a vergoña a retira.
[15]Non esquezas o favor de quen te afiuzou
pois puxo a súa persoa ao teu favor.
[16]O pecador non ten en conta a bondade do fiador,
[17]e o de natural ingrato esquece a quen o salvou.
[18]A fianza perdeu a moitos que medraban,
abaneounos coma a onda do mar;
fixo emigrantes de homes poderosos
que andaron errantes por nacións alleas.
[19]O pecador trabúcase por culpa da fianza:
ao procurar proveito vai dar nun proceso.
[20]Axuda o próximo segundo os teus medios
mais gárdate de caeres ti tamén.

**Vivir co necesario, pero libre**

[21]O necesario para vivir é auga, pan, vestido
e unha casa para encubrir a nudez.

**29**, 7 No tempo do autor o empréstito presentaba dúas facianas de non doada conciliación: dunha banda, os xuros demandados chegaban á usura en prazos esaxeradamente breves; doutra, dada a inseguridade política e a falta de estruturas xurídicas, tamén era arriscado emprestar. Ben Sírah concede algo á opinión popular que tiraba a consecuencia do v. 7, pero tentaba algo máis xeneroso dos seus discípulos, mesturando os consellos que animan a non pecharse ás necesidades, con outros que impoñen o respecto á propiedade do outro, e sempre dentro dos límites da prudencia.
**29**, 8-13 O tema querido de Ben Sírah afincase nunha argumentación nova para aquela época: dar esmola é o mellor modo de aforro (v. 11-13).
**29**, 9 Refírese ao precepto de Dt **15**, 7-11. Sobre a esmola e as súas virtudes, cf tamén Tob **2**, 14; **4**, 9. 11.
**29**, 14-19 A situación é aínda máis difícil de xulgar ca no caso do empréstito, e, de feito, Pr **6**, 1-5 e **22**, 26-27 (que recollera da Instrución de Amen-emope) tomaban unha posición contraria. Ben Sírah considéraa como un tipo de esmola, onde non xoga tanto o tema da seguridade coma o da caridade. De todos xeitos, se o v. 14 indica o principio xeral, o v. 18 pon en garda contra os perigos financeiros da época (xa Ez **27**, 25-36 comentara a desfeita producida en moitos pobos co gallo da quebra de Tiro).

22Máis conta ten vivir pobre baixo teito de táboas
ca banquete espléndido en casa allea.
23Pouco ou moito que teñas, vive contento,
non terás que escoitar coma insulto: "Forasteiro!".
24Vida dura a de andar de casa en casa,
onde sexas forasteiro non poderás abrir a boca;
25darás comida e bebida e non cho agradecerán
e aínda por riba terás que escoitar palabras acedas:
26"Ven acó, forasteiro, arranxa a mesa,
dáme a xantar do que teñas á man".
27"Lisca, forasteiro, que hai xente importante:
chegou o meu irmán, cómpreme a casa".

28Para un home asisado é cousa ben dura
ser burlado de forasteiro e aldraxado de debedor.

**Coidado dos fillos**

**30** 1Quen ama o seu fillo dálle coa vara arreo,
ao rematar a súa vida terá de que aledarse.
2Quen corrixe o seu fillo tirará del proveito,
terá de que gabarse entre os coñecidos.
3Quen instrúe o seu fillo dálle envexa ao seu inimigo,
e gozarase del diante dos amigos;
4cando o pai falece é coma se non morrese,
pois deixa despois de si un semellante a el.
5De vivo tivo contento en ollalo,
e non se entristeceu no seu pasamento.
6Deixou un vingador de fronte aos seus inimigos;
e de cara aos amigos, quen devolva os favores.
7Quen moito aloumiña un fillo xa lle vendará as feridas
e cada berro conmoveralle as entrañas.
8Besta non domeada sae testana,
fillo consentido sae teimudo.
9Afaga o teu fillo, terás de que tremer;
anda a xogos con el e hate contristar.
10Non rías con el para non chorares por el
e para non ter ao remate que renxer os dentes.
11Non o deixes ao seu antollo na mocidade
nin pases por alto os seus malos costumes;
12faille baixar a cabeza namentres é rapazote,
trabállalle os lombos mentres é pequeno,
non che veña plantar cara e revirarse
e se che troque en motivo de angustia.
13Corrixe o teu fillo, faille pesado o xugo
para que non se che opoña nunha das súas arroutadas.

**Boa saúde**

14Mellor é pobre san e rexo ca rico coa eiva no corpo.
15Prefiro vida sa ao ouro puro e o bo natural ás perlas.

**29**, 22-28 Exaltan o valor superior de vivir na propia terra, contraposto ás angustias e desprezos aos que se somete o emigrado por ambición (vv. 25-28). Este escarnio dirixido ao "meteco" (inmigrado) revela un ámbito non semítico, lonxe das leis da hospitalidade.
**30**, 1-13 Os fillos eran o froito da vida, sinal de bendición e paz (Xalom), única maneira de supervivencia, continuadores do patrimonio e do "nome" na terra de Iavé, defensores da sona de seus pais e vingadores dos seus inimigos (cf a figura do "goel", vingador do sangue, no v. 6; cf Sal **127**, 5).
**30**, 8 Inclúe un refrán popular.
**30**, 11-13 Estes vv. teñen de fondo a comparanza cun animal de carga, probablemente un boi. Verbo dos métodos drásticos na educación e ensino dos rapaces, cf Pr **13**, 24; **19**, 18; **23**, 13-14.

[16]Non hai riqueza meirande ca un corpo rufo
nin outro ben coma o corazón bondadoso.
[17]Mellor é a morte ca unha vida coitada
e o acougo eterno ca a doenza crónica.
[18]Lambetadas postas diante de boca pechada
son coma ofrendas de comida diante dun ídolo;
[19]para que levarlles ofrendas a ídolos pagáns
que nin comen nin olen?
Pois así vén sucedendo co que ten facenda
e non pode gozar dela;
[20]óllaa coa vista e salaia
como salaia o eunuco que apreixa unha moza.

**Procura da alegría**

[21]Non te deixes dominar pola tristura,
non te abaixes por mor da túa culpa.
[22]O corazón ledo é a vida do home
e a ledicia faino comprensivo.
[23]Abre o teu ánimo, colle folgos,
afasta de ti a mágoa;
pois a moitos ten matado a señardade
e nada aproveita a coita.
[24]Envexa e ira acurtan a vida
e as arelas avellentan antes de tempo.
[25]Para un ánimo feliz, durmir é xa un banquete
e canto come, aprovéitalle.

**Coidados da riqueza**

**31** [1]O insomnio do rico mírralle as carnes
e a preocupación pola mantenza escorréntalle o sono;
[2]a coita do sustento impídelle o descanso
e, máis ca unha grave doenza, non o deixa durmir.
[3]Ataréfase o rico para amorear facenda
e cando repousa é para se encher de praceres;
[4]o pobre fatígase e sempre andará escaso,
e se repousa, convértese en mendigo.

[5]Quen corre tras o ouro non quedará impune
e quen ama o lucro por culpa del extraviarase.
[6]Moitos foron vítimas do ouro e confiaron nas perlas,
mais non foron tales de libralos da desgraza
nin de salvalos no día da ira;
[7]pois é un lazo para o necio
e todo inxenuo enmaráñase nel.
[8]Feliz o home que foi atopado íntegro
e non errou tras o diñeiro.
[9]Quen é este?, para agasallalo,
xa que fixo marabillas no medio do seu pobo.
[10]Quen foi tentado e permaneceu indemne?
Sexa para el motivo de gloria.
Quen podendo extraviarse non se extraviou,
podendo facer o mal, non o fixo?

**30**, 18 Pode facer referencia ás ofrendas e libacións que se facían en Exipto ou ás que os pagáns realizaban na mesma Palestina ante os cenotafios.
**30**, 19-20 O enfermo, diante dos praceres da vida, imita a impotencia do idólatra ou a do eunuco (cf **20**, 4).

**31**,8 *Diñeiro*. Cítase a verba aramaica "Mammón", nome da personificación divinizada das riquezas, como en Roma o sería a deusa Fortuna; a este propósito cf Mt **6**, 24; Lc **16**, 9-13.

[11]A súa felicidade estará a seguro
e a asemblea publicará a súa loanza.

**Educación á mesa**

a) *Urbanidade no banquete*

[12]Filliño, se sentas á mesa dun magnate,
non abras a boca diante dela
nin digas: "Canta fartura hai aquí!".
[13]Pensa no ruín que é o ollo malicioso
–Deus refuga o ollo retranqueiro,
non creou cousa peor ca el;
por iso chora adoito–.
[15]Considérate do veciño coma de ti mesmo;
ten en conta o que a ti non che gusta.
[14]Non botes a man ao que el ten de ollo,
nin tropeces con el na bandexa.
[16]Xanta coma un home do que che sirvan
e non o engulas ás présas para non dares noxo.
[17]Remata o primeiro como ben educado
e non recunques para que non te desprecen.
[18]E aínda que sentes con outros moitos
non te sirvas antes ca o compañeiro.
[19]Abofé, ao home asisado con pouco lle abonda
e despois no leito non buliga.
[20]As dores, o insomnio, afogos, sufocacións
e cólicos, tócanlle ao inmoderado;
en troques, un sono saudable ao de estómago baleiro:
erguerase de mañá ben aleuto.
[21]Se, así e todo, te sentes cheo co xantar,
érguete, vomita, e acougarás.
[22]Escoita, filliño, e non me despreces,
máis tarde comprenderás o que che eu digo:
serás moderado en todo o que fagas
e non haberá mal que te alcance.
[23]As bocas bendín o hóspede xeneroso
e a sona da súa liberalidade permanece.
[24]Do hóspede avarento murmúrase polas rúas
e tamén dura a sona da súa avaricia.

b) *O viño*

[25]Diante do viño non presumas de forte
pois o mosto ten feito tatexar a moitos.
[26]A forxa pon a proba o traballo do ferreiro
e o viño as liortas dos barís.
[27]Para quen é san o viño?
Para o que bebe amodo.

**31**, 12-**32**, 13 A educación na mesa.
**31**, 12ss Como diante dun tríptico apostámonos nestes vv. da man de Ben Sírah de fronte ao triclinio dos israelitas acomodados e algo helenizados. O ensino das normas de comportamento na mesa fora materia de sempre nas escolas sapienciais desde instrucións datables no Imperio antigo exipcio. O escriba estaba chamado a ser home de mundo: no tempo do autor a frecuencia das viaxes e contactos con xentes variadas impoñían unha tal aprendizaxe; cumpría non facer figura de badoco nos banquetes de comensais e nos simposios onde, entre libacións de viños mesturados, departíase sobre temas de actualidade, divertimento ou filosofía, ao son de cántigas e instrumentos.
Desde o punto de vista formal o tratadiño vai disposto en tres seccións de 13, 7 e 13 vv.
**31**, 14-15 A transposición dos vv. 14 e 15 vén demandada polo sentido.
**31**, 16 Ao pé da letra: "O que che poñan diante" pode aludir a un bocado especial enviado polo hóspede como sinal de agasallo.
**31**, 25 Sobre o viño, cf Pr **23**, 19ss; Xuí **9**, 13; Sal **104**, 15.

Que sería da vida sen viño
se desde o comezo foi creado para a ledicia?
28Ánimo xubiloso, troula e simpatía:
o viño bebido ao seu tempo e con tino;
29resaca, tristura e vergoña:
viño bebido con rabia e carraxe.
30O moito alcohol é unha trampa para o necio:
tóllelle as forzas e éncheo de feridas.
31Cando bebas non corrixas o veciño
nin o burles se se pon alegre;
non lle digas palabras inxuriosas
nin te poñas pesado con reclamacións.

c) *O simposio*

**32** 1Se te invitan á presidencia
non te enfonches coma un deles,
ocúpate dos outros, despois ponte á mesa.
2Atende ao que lles cómpre,
só despois déitate no diván
para te deleitares cos seus honores
e amosares bo tino coa túa compostura.
3Se es un ancián, fala cando che toque,
agudo nas razóns, e non impidas o canto.
4Cando cheguen os brindes non prolongues o discurso
e aínda que non haxa música
non presumas de sabio a contratempo.
5Broche de rubí engastado en ouro
é un cantar ben acordado nun banquete con viño.
6Colar de ouro con pedra de zafiro
é o son do cantar despois dun licor agradable.
7Se es rapaz novo, fala se é necesario,
despois de seres invitado con insistencia dúas ou tres veces.
8Serás breve: di moito en poucas verbas;
fai impresión de que, ben informado, sabes calar.
9Non interveñas cando falen os anciáns
nin te prodigues en explicacións cos magnates.
10Antes da sarabia brilla o lóstrego,
por diante do modesto fulxe o seu engado.
11No intre de partires non te demores,
volta para a túa casa e fai alí o que che pete.
12Di entón o que che veña en mente
mais con temor de Deus e non sen siso;
13e, por riba de todo, dálle as grazas ao creador
que te fartou con tantas cousas boas.

**Actitudes perante a Lei**

14Quen consulta a Deus aprende a disciplina,
quen por El se ergue cedo atopará resposta.

**32**, 13 A alusión pódese referir neste caso á recitación ritual de bendicións despois do xantar, ou ben ás pregarias privadas antes de se deitar, costume dos xudeus piadosos do que existen testemuños desde o albor do rabinismo.

**32**, 14ss A pasaxe é claro reflexo da etapa relixiosa que estaba a vivir Israel. Procurar a Deus é procurar o seu "Musar", a instrución no estudo da Lei, na palabra de Deus escrita. A ausencia de novos feitos salvíficos e o silencio da profecía conducen á relixión do libro. Pero un tal estudo é comparado a unha demanda oracular (v. 14) e consultar a Lei é confiar en Iavé (v. 23); por conseguinte non se pode falar, ao menos para estes versos, dunha piedade legalista, pois a teoloxía que latexa no fondo destas afirmacións é a dunha fe na presenza dinámica da palabra de Deus, sempre cumprida de novo.

15 Quen pescuda na Lei tirará dela froito
mais quen a toma a xogo enmarañarase nela.
16 Quen teme o Señor aprenderá o dereito,
do seu interior tirará as decisións axeitadas.
17 O home argucioso desvía as refutacións
e retorce a Lei conforme o gusto seu.
18 Un home sabio non agacha o seu saber
como tampouco o insolente garda a lingua.
19 Nada fagas sen aconselláreste
para non teres que te arrepentir despois do feito.
20 Non vaias por camiño cheo de trampas
nin batas por dúas veces nun tropezo.
21 Non vaias confiado por camiño de bandoleiros
e garda as costas.
22 En todas as accións vixíate a ti mesmo;
quen obra dese xeito garda a Lei.
23 Quen cumpre coa Lei, a si mesmo se garda;
e quen confía no Señor non será confundido.

**33** 1 A quen teme o Señor non lle sucede mal ningún
pois aínda da tentación sairá salvo.
2 Non chega a sabio quen refuga a Lei,
será abaneado coma a dorna na galerna.
3 Un home asisado comprende a palabra do Señor,
o seu ensino é seguro coma os *Urim*.

**Precipitación do parvo**

4 Prepara a túa razón e despois pasa ás obras,
pensa con calma, despois discutirás.
5 Coma a roda do carro é a mente do parvo
e coma o eixo a xirar, os seus pensamentos.
6 Coma cabalo en celo é o amigo molesto,
monte quen o monte, rincha.

**A lei das oposicións**

7 Por que un día non é coma o outro
se todo o ano lles vén a luz do sol?
8 A sabedoría do Señor fixoos distintos
de xeito que houbese días de festa;
9 algúns de entre eles bendiciunos santificándoos
e aos outros fixoos días correntes.
10 Tamén os homes todos están feitos de arxila
–pois de terra foi formado Adán–,
11 mais a sabedoría do Señor distinguiunos
e diferenciou os seus camiños:
12 bendí e honra algúns,
outros santificaos e dedícaos a si;
algúns deles maldíos e humíllaos
e guíndaos fóra dos seus postos.
13 Coma a arxila na man do oleiro,
que a manexa ao seu gusto,
así o home está nas mans do seu creador
que lle fixa un papel na súa presenza.

**32**, 18 Este v. vai acrecentado no texto hebreo cunha glosa: "O home sabio non acepta suborno, o soberbio e burlón non garda a Lei".
**33**, 3 A seguridade da consulta ao libro dos mandatos de Deus é comparada ao oráculo feito coa axuda dos *Urim* e *Tummim*, as pedras sagradas que o sumo sacerdote levaba no peitoral e coas que se botaban as sortes (cf Lev **8**, 8; Dt **33**, 8).

[14]De fronte ao mal, o ben;
de fronte á vida, a morte;
de fronte ao bo, o malvado;
de fronte á luz, a tebra.
[15]Considérate de todas as obras de Deus,
todas elas feitas por parellas
e unha oposta á outra.

**Autopresentación**

[16]Tocante a min, eu cheguei derradeiro,
coma quen rebusca despois dos que vendiman,
[17]mais pola graza de Deus saín avantaxado
e coma viñateiro enchín o meu lagar.
[18]Considerade que non traballei para min só,
senón tamén para quenquera que procura sabedoría.
[19]Escoitádeme, gobernantes dun gran pobo,
prestade oídos, os presidentes da asemblea.

**Testamentos, ao seu tempo**

[20]A fillo ou a esposa, a amigo e veciño,
non deas poder ningún mentres ti vivas.
[21]Mentres esteas en vida e teñas folgos
non te deixes dominar de ninguén.
[22]Mellor é que os teus fillos che pidan
que estar ti dependendo deles.
[23]Serás ti quen decida en todos os teus negocios
sen botares chatas na túa dignidade.
[24]Cando remate a conta dos teus curtos días,
estando para morrer, distribúe a herdanza.

**Escravos**

[25]Ao burro, penso, tralla e carga;
ao criado, mantenza e traballo arreo.
[26]Atarefa o criado para que non busque vagar,
como erga a cabeza háseche revirar.
[28]Fai traballar o criado para que non se subleve,
[29]pois o vagar carrexa moitos males.
[30]A criado torcido, moitas cadeas,
mais non te pases con ninguén
nin fagas nada sen xustiza.
[31]Tes soamente un criado? Que sexa coma ti,
pois cando esteas feble terás necesidade del.
Tes soamente un criado? Trátao coma irmán,

**33**, 13-15 A metáfora do Deus oleiro ilustra a dependencia esencial de todo o creado (cf Sab **15**, 7-8; Xer **18**, 1-6). Dun pensamento semellante poderíase tirar a consecuencia dun dualismo maniqueo, tal como aparecerá nos "Testamentos dos XII Patriarcas" ou en Qumrân. Ben Sírah, ende ben, conclúe cunha chamada á loanza e á contemplación.

**33**, 16-19 No presente paso Ben Sírah xustifica o seu labor, aínda que serodio, coa conciencia de ser chamado a escribir e render un servizo. A alocución feita no v. 19 a un público aristocrático (os príncipes sarim do pobo) dálle á sección un aire supra-escolar de dedicatoria.

**33**, 20 O texto hebreo presenta un duplicado do v. 20, seguido tamén polo grego, que con todo, semella ser unha glosa explicativa: "Nin cedas a outro a túa facenda, para non lle teres que reclamar se te arrepintes".

**33**, 25-32 Nunha sociedade na que as frecuentes guerras e invasións amais de liquidación das débedas, fornecían mercados abundantes de man de forza humana sen consideracións para a dignidade das persoas, Ben Sírah repite dunha parte o refraneiro popular acerca de criados e servos (vv. 25-29) e doutra tenta temperar a situación vital deles con consideracións fundadas dunha banda en criterios de economía doméstica e oportunista, doutra na comunidade (vv. 30-32). A casuística iniciada no v. 31 remata no v. 32 co problema do escravo fuxitivo sen chegar á exposición da entidade xurídica dos libertos. A regulación da escravitude na lexislación mosaica incluía o caso de escravos da propia raza (cf Éx **21**; Dt **15**, 12-18), dos que no tempo de Ben Sírah non era permitida a existencia, por máis que se desen casos de criados e servos domésticos.

non teñas celos do teu propio sangue.
[32]Se o asoballas, fuxirá e pérdelo;
por que camiño habías de atopalo?

**Vaidade dos soños**

**34** [1]Quen procura a vaidade atopa o erro
e os soños danlles azos aos parvos.
[2]Apreixa sombras e persegue vento
quen lles dá creto aos soños.
[3]O soño é coma un espello:
reflicte o rostro, unha imaxe do rostro.
[4]Que pode haber de limpo no lixado?
Que pode haber de verdade na mentira?
[5]Adiviñacións, agoiros e soños son cousas vas:
andrómenas de mente parturiente.
[6]Se non foron enviados polo Altísimo nunha visión,
non acredites neles.
[7]Os soños teñen feito errar a moitos,
e confiando neles, pereceron.
[8]A Lei, en troques, cúmprese sen falsidade,
e a sabedoría é íntegra cando a boca é veraz.

**Seguridade nas viaxes**

[9]Quen teña viaxado coñece moitas cousas,
quen ten moita experiencia fala asisadamente.
[10]Quen non pasou por probas, pouco coñece;
mais o que viaxou abunda en mañas.
[11]Moito teño eu ollado nas miñas viaxes,
tenme pasado máis dunha aventura.
[12]En perigo de morte atopeime a miúdo
e salveime grazas ao feito seguinte:
[13]que o espírito dos que temen a Deus mantense en vida,
pois a súa esperanza afinca no que os salva.
[14]Quen teme o Señor non ten medo de nada
nin perde azos pois pon nel a súa esperanza.
[15]Feliz o espírito de quen teme o Señor:
En quen afinca? Quen é o seu alicerce?
[16]Os ollos do Señor pousan naqueles que o aman
como potente escudo e rexo apoio:
reparo na calor e sombra ao mediodía,
defensa de tropezos e axuda contra os tombos,
[17]erguendo o ánimo e alumando os ollos,
dando a saúde, a vida e a bendición.

**Ética do culto**

a) *Culto viciado*

[18]Sacrificar un ben mal adquirido é unha ofrenda impura,
e os dons da xente sen lei non son aceptados.
[19]Non acolle o Altísimo donativos de impíos
nin lles perdoa as culpas polas moitas oblatas.

**34**, 1-8 Vaidade dos soños: O prestixio visionario dos soños na antigüidade non excluía a sospeita da súa realidade e interpretación (Dt **13**, 2-6; **18**, 9-14); a sospeita vai medrando co inicio da introspección e da observación psicolóxica. Ben Sírah sométeo a aguda crítica.
**34**, 18ss A predicación profética interésase pola disposición interior esixida por un culto auténtico, celebración da xustiza, pasando do paradigma de pureza ritual ao de pureza ética. No pulo da restauración litúrxica iniciado pola reforma de Esdras e Nehemías o tema tornaba a facerse actual. Ben Sírah abórdao dun xeito máis concreto e casuístico nas tres seccións seguintes, vinculadas polo mesmo problema.

[20]Como inmolar un fillo na presenza do pai
é ofrendar sacrificios cos bens dos pobres;
[21]dunha escasa mantenza depende a vida dos pobres,
quen os priva dela é un asasino.
[22]Mata o seu próximo quen lle colle o sustento,
esparexe sangue quen lle nega a paga ao obreiro.
[23]Un a edificar e outro a demoler,
que proveito tiran se non é máis traballo?
[24]Un a bendicir e outro a maldicir,
cal das dúas voces escoitará o Señor?
[25]Quen se lava despois de tocar un cadáver e volve tocalo,
de que lle vale o baño?
[26]Do mesmo xeito, a quen xaxúa polos propios pecados
e torna a facer o mesmo,
quen vai acoller a súa pregaria
e de que lle valeu mortificarse?

b) *O verdadeiro sacrificio*

**35** [1]Aquel que observa a Lei fai ofrendas cumpridas,
[2]o que garda os mandamentos fai sacrificio de comuñón.
[3]Quen se amosa indulxente ofrece flor de fariña,
[4]e o que doa unha esmola fai sacrificio de loanza.
[5]Se afastarse do mal comprace o Señor,
fuxir da inxustiza é propiciación.
[6]Non te achegues ao Señor coas mans baleiras
[7]pois isto todo faise por mor do precepto.
[8]A ofrenda do xusto enche de graxa o altar,
o seu recendo atangue ao Altísimo.
[9]O sacrificio do xusto é ben acollido,
o seu memorial non será esquecido.
[10]Dálle honor ao Señor con xenerosidade
e non andes a relear coas primicias das túas mans.
[11]En todo canto doares, pon rostro amable
e consagra o teu décimo con ánimo ledo.
[12]Dálle a Deus segundo El che doou,
con xenerosidade e conforme os teus posibles,
[13]pois Deus recompensaracho
devolvéndoche o séptuplo.

c) *O que Deus, de feito, escoita*

[14]Non lle vaias con subornos, que non os acepta,
non poñas esperanza na ofrenda extorsionada,
[15]porque El é un Deus xusto
e non ten preferencias de persoa;
[16]non tomará parte contra o pobre
mais presta oídos ás demandas do asoballado,
[17]non refuga os saloucos do orfo
nin da viúva que repite o seu laio
[18]en tanto lle esvaran as bágoas polas meixelas
[19]e salaia de fronte a aqueles que as fan correr.
[20]Semellante laio acada o seu favor,
o seu berro chega ata as nubes.

**34**, 20-22 A linguaxe faise categórica e dunha perenne actualidade (v. 22). O pobre do que se fala nos vv. 20-22 non é xa o colono rural explotado, senón o mendigo cidadán e o obreiro.
**35**, 9 Verbo do "memorial", cf Lev **2**, 1-3; **24**, 7.
**35**, 10 Para as primicias cf Lev **23**, 10-17 e Dt **18**, 4.
**35**, 13 O autor insiste na xenerosidade, ir máis alá dun mero cumprimento (vv. 6. 12), chegando entón a resposta do Señor a extremos non calculables: o séptuplo non se debe entender como unha medición exacta, senón como un cualificativo enfático.

[21]O grito do pobre traspón as nubes,
non pousa ata chegar á meta,
non cede ata que Deus o atende
e que o xuíz veraz faga xustiza;
[22]tampouco Deus a retardará
nin, como guerreiro, hase deter
ata esfolar o lombo do cruel
e cumprir vinganza nas nacións,
[23]ata eliminar o cetro orgulloso
e esnaquizar o fungueiro impío;
[24]ata retribuír a cadaquén segundo as súas obras,
e os feitos do home segundo as súas matinacións;
[25]ata defender a causa do seu pobo
aledándoo coa súa salvación.
[26]Prezada é a súa misericordia no tempo da opresión
coma a orballada no tempo da seca.

**Pregaria da liberación**

**36** [1]Sálvanos, Deus do universo,
[2]espalla o teu terror en todas as nacións;
[3]brande a túa man contra un pobo estranxeiro
para que experimenten o teu poderío.
[4]Como te amosaches santo aos seus ollos á nosa costa,
manifféstate glorioso á nosa vista en contra deles,
[5]para que aprendan, como fixemos nós,
que non hai Deus fóra de ti.
[6]Renova os prodixios, repite os milagres,
[7]honra a túa man, fai forte o teu brazo dereito,
[8]excita a carraxe, esparexe a ira,
[9]humilla o opresor, arreda o inimigo,
[10]adianta o remate, ten en conta a data fixada
pois quen poderá dicirche: "Que fas?".
[11]Arda no alampar da túa carraxe o que tentou fuxir
e que os que asoballaron o teu pobo vaian dar na ruína.
[12]Abate a cabeza dos príncipes de Moab,
dos que din: "Non hai coma min".
[13]Reúne todas as tribos de Xacob
e que reconquisten a herdanza coma nos vellos tempos.
[14]Ten piedade do pobo que leva o teu nome,
de Israel a quen designaches primoxénito.
[15]Ten piedade da túa cidade santa,
Xerusalén, lugar da túa morada.
[16]Enche Sión coa túa maxestade;
e o teu templo, de gloria.
[17]Dá testemuño a prol da mellor das túas obras,
cumpre a visión proclamada no teu nome.
[18]Recompensa os que en ti esperan
para que se lles dea creto aos teus profetas.
[19]Escoita a pregaria dos teus servos
segundo o que te compraces no teu pobo;
recoñezan todos os confíns da terra
que ti es o Deus sempiterno.

**36**, 1-19 Suxerida sen dúbida polos derradeiros versos da sección precedente, xorde unha pregaria que, aínda manténdose en termos xerais e composta a maneira de mosaico polo procedemento de citacións libres e implícitas doutros textos escriturísticos, ten un gran valor evocador da situación de suxeición concreta sufrida polo pobo xudeu baixo a dominación seléucida.

**Saber escoller**

a) *Que caste de muller*

20 A gorxa acepta un xantar calquera,
por iso uns alimentos son máis saborosos ca outros.
21 O padal distingue o sabor dunha cousa,
a intelixencia capta o sabor da mentira.
22 Un corazón arteiro procura mágoas,
o home asisado retórceas contra el.
23 A muller acolle o marido que sexa,
con todo unhas mozas valen máis ca outras.
24 A beleza da muller aleda o rostro
e supera canto desexa o ollo,
25 se por riba posúe unha doce fala
o seu home xa non se conta entre os humanos.
26 Acadar muller é o sumo das ganancias,
unha axuda, fortaleza e columna de apoio.
27 Onde non hai sebe estrágase a viña;
onde falta a muller, ándase errante e aos tombos.
28 Quen confía nunha banda armada
que anda ás correrías de vila en vila?
Pois tal é o home ao non ter niño,
que pousa onde o pilla a noite.

b) *Que caste de amigo*

**37** 1 Calquera amigo di: "Téñoche boa lei";
mais hainos só de nome.
2 Non é por caso unha mágoa de morte
que un amigo íntimo se volva inimigo?
3 Oh maligna tendencia! Para que fuches creada?
Para encher a face da terra de engano.
4 Amigo falso non quita ollo da mesa
mais no tempo de estreituras mantense lonxe.
5 Un bo amigo loita contra o adversario
e apresta o escudo contra os agresores.
6 Non esquezas o compañeiro na contenda
nin lle roubes ao recoller a presa.

c) *De quen pedir consello*

7 Todo conselleiro fai indicacións,
mais hai conselleiros que suxiren para o seu proveito.
8 Gárdate ben do conselleiro,
considera de primeiras cal é o seu interese,
pois tamén el está a pensar para si:
Por que habería este de tirar o proveito?
9 Non che vaia dicir: "A túa idea é boa";
e se poña á parte para contemplar a túa desfeita.
10 Non te aconselles con quen te envexa,
e esconde o teu plan de quen che ten celos:
11 Nin con muller verbo da súa rival,
nin co adversario no tocante á guerra,
nin co tratante no tocante á compra,
nin co comprador no tocante á venda,
nin co malicioso sobre unha boa acción,

**36**, 20ss A nota común do discernimento e distinción oportuna xunta nunha unidade temática tres seccións sobre a muller, o amigo e o conselleiro, todas elas eleccións centrais na vida do home.

**36**, 23 A muller pasa de ser un obxecto de propiedade ou de pracer á figura de compañeira, axuda, comprensión, se ben no cadro das relacións que a sociedade de entón lle permitía (cf v. 23a).

nin co cruel sobre o ser humano,
nin co asalariado no tocante ao seu traballo,
nin co que arrendou por un ano sobre o valor da colleita,
nin co criado preguiceiro no tocante a un traballo duro.
Non te apoies neles para proxecto ningún.
12Consúltate máis ben con quen é de sempre respectuoso,
que coñeces como observante da Lei,
que teña o teu mesmo sentir
e que en caso de tropezo, che acorra.
13Por riba diso, atende ás suxestións do teu corazón
pois quen che vai ser fiel coma el?
14O corazón agóiralle ao home o momento oportuno
mellor ca sete astrólogos na atalaia.
15E ademais disto, suplícalle a Deus
para que afinque as túas pegadas na verdade.

**Peneira dos sabios: o uso da palabra**

16Comezo de toda acción é a palabra
e comezo de toda tarefa, a reflexión;
17raiceira dos proxectos é a mente,
e dela despuntan catro pólas:
18o ben e o mal, a vida e a morte;
e a lingua domina totalmente sobre elas.

19Sabio hai que tal é para moita xente
e consigo mesmo é un imbécil,
20e sabio hai desprezado polo seu falar
e excluído de todo banquete delicioso.
22Sabio hai que o é para si
e nótaselle no corpo o froito da súa ciencia;
23e sabio hai que é sabio para o seu pobo
e o froito da súa ciencia será perdurable.
24Quen é sabio para si fártase de satisfaccións,
os que o ven felicítano.
25Quen é sabio para o pobo herdará gloria
e a súa sona vivirá eternamente.
26A vida dun home son días contados,
a vida do pobo de Israel son días innumerables.

**Vida e morte**

a) *Control na comida*
27Meu fillo, mentres vivas controla a gorxa;
observa o que lle fai mal, para refugalo,
28pois non todo é bo para todos
nin todo xantar lle vai ben a calquera.

**37**, 12 O texto grego interpreta a verba *respectuoso*, de seu secular, como "piadoso, temeroso de Deus", sen dúbida pola veciñanza da "Lei" no seguinte hemistiquio.
**37**, 16-25 Como no volume primeiro, un xeito de interrupcións reflexivas do autor, que lle serven para separar os diversos tratados da súa escolma.
**37**, 21 O texto hebreo e mais o siríaco omiten o v. 21, testemuñado polo grego: "Pois o Señor non lle deu o seu favor, xa que el mesmo se priva de sabedoría".
**37**, 27ss Vida e morte. Unha temática común xongue a serie de seccións seguintes sobre a saúde (**37**, 27-31), o médico (**38**, 1-8), a enfermidade (**38**, 9-15) e a morte (**38**, 16-23), suxerindo as actitudes axustadas coa prudencia en cada caso.
**37**, 27-31 Control na comida: O problema dos alimentos sans ou non, e da regulación da comida presupón unha sociedade xa desenvolta e próspera onde, sen chegar aos excesos romanos descritos no banquete de Trimalción, os refinamentos culinarios son frecuentes. A preocupación hixiénica era unha nota constante na medicina dietética usual nos centros médicos gregos e alexandrinos. A referencia ás lambetadas e larpeiradas fai supoñer un público discente de xente nova, e a tónica dos consellos descobre o influxo do ideal de moderación estoico.

[29]Non devezas por toda lambetada
nin te botes sobre calquera peperete
[30]pois nas moitas lambetadas aniña a enfermidade
e a inmoderación provoca a náusea.
[31]Moitos morreron por intemperanza,
mais o que se controla alonga a vida.

b) *Eloxio do médico*

**38** [1]Respecta o médico pois é necesario,
a el tamén o creou Deus.
[2]De Deus recibiu o médico a habilidade,
e do rei os agasallos.
[3]A ciencia do médico faille erguer a cabeza
e tratarse cos príncipes.
[4]Deus fai que a terra produza as menciñas
e o home asisado non as desbota.
[5]Non foi adozada a auga cun madeiro
para que todos descubrisen a súa virtude?
[6]Do mesmo xeito deulle ao home intelixencia
para se gloriar no seu poder.
[7]Con tales medicinas o médico mata a dor
e o boticario prepara as súas mesturas,
[8]de xeito que a creación de Deus non desapareza
nin a habelencia dos fillos de Adán.

c) *Deberes na enfermidade*

[9]Filliño, cando esteas enfermo non te deixes ir,
rógalle a Deus e El hate sandar;
[10]fuxe do mal e da parcialidade,
purifica o corazón de toda culpa,
[11]ofrenda incenso e a oblación memorial
e sacrificios de unto segundo os teus medios,
[12]mais bota man por igual do médico
e que non se afaste, pois tamén el é preciso.
[13]Hai momentos en que o éxito está da súa man
[14]xa que tamén el prega a Deus
para que lle conceda atinar coa diagnose
e aplicar o tratamento que cure.
[15]Peca contra o seu creador
quen fai resistencia diante do médico.

d) *Deberes cos defuntos*

[16]Filliño, derrama bágoas por un defunto;
amosa a túa mágoa e fai o pranto,
sotérrao despois segundo o uso que lle corresponda

**38**, 1-8 A teoloxía da creación elaborada polos sabios lévaos a subliñar os adiantos da técnica médica e a valorar as persoas que a practican. O feito é en parte novo, pois motivacións relixiosas (sospeita de maxia ou de falta de confianza en Deus) tiñan vertido sospeitas sobre a profesión e uso da medicina (cf 2 Cro **16**, 12; Xob **13**, 4).
**38**, 14 Este v. podería ser lido por St **5**, 14, que concede á pregaria polo enfermo outra dimensión comunitaria e sacramental.
**38**, 9-15 Deberes na enfermidade. A instrución demostra a conciencia que o autor ten da dobre vertente da enfermidade nos niveis espiritual e corporal. Coma tal debe ser atacada desde as dúas bandas: coa purificación da culpa e a pregaria (vv. 9-11; cf Sal **51**, 3-4. 10. 18-19) e co recurso ao médico e ao seu intento (vv. 12-14). O médico non prega para demandar un milagre senón a exactitude no prognóstico e na curación. Na versión grega ten outro sentido, que non parece apropiado ao contexto: "Quen peca contra o seu Creador, caia nas mans do médico".
**38**, 16-23 A fidelidade ao morto e a moderación rexen estes consellos sobre o pasamento. Os vv. 16-18 prescriben os usos normativos da piedade no contexto antropolóxico palestino: bágoas, choro rítmico, Quiná ou canto mortuorio, enterramento ritual, pranto e loito (de un a dous días en **22**, 12, sete días), que podía incluír revestirse de saco e o laio público con derrama de cinza.

e non o esquezas tras o pasamento.
[17]Chora tristeiro, salaia por el,
pon o loito que convén por el
un día ou dous para evitar murmuracións;
despois consólate da coita
[18]pois, como coa mágoa xorde a desgraza,
tamén coa tristura medra a dor.
[19]Despois do pasamento cómpre deixar a coita,
o ánimo maldí unha vida mísera.
[20]Non volvas para el o teu maxín,
rexeita o seu recordo e lembra a fin;
[21]non penses máis nel pois non ten esperanza,
para el non vai valer e a ti faiche mal.
[22]Pensa na súa sorte que é tamén a túa:
Onte a min, hoxe a ti.
[23]Cando o morto repousa, repouse a súa memoria,
consólate ti tamén, unha vez que partiu a súa alma.

**Crítica de oficios e loanza do escriba**

a) *Os oficios artesanais*
[24]A aplicación do escriba aumenta o seu saber;
o libre de ocupación farase sabio.
[25]Como vai chegar a sabio quen aferra a aguillada
ou quen dá aires de brandir a lanza,
o que guía os bois repetindo unha cántiga
e non fai máis que falar dos xatos?
[26]Ese ataréfase en ter gobernado o cortello,
pon todo o intento en facer sucos.
[27]O mesmo se diga de calquera artesán ou obreiro
que non acouga noite e día:
os que gravan as figuras dos selos
e poñen a súa teima en variar os relevos;
aplican a atención á reprodución do debuxo
e as súas vixilias a rematar a obra.
[28]Outro tanto o ferreiro, asentado a carón da xunca,
obrando a conciencia trebellos de ferro;
a labarada sécalle as carnes
mentres se atafega á calor da forxa;
o son do martelo bóuralle os oídos,
ten os ollos fixos no modelo do aparello,
ocúpase en rematar a obra
e consome as súas vixilias en deixar todo ben acabado.
[29]Tal acontece co oleiro, sentado ao seu traballo,
xirando cos pés a roda,
sempre a cismar no seu oficio,
pois da produción depende o seu labor.
[30]Co brazo dálle forma á arxila
amolecéndolle a dureza coa axuda dos pés;

**38**, 19-23 Corrixen a dor inmoderada ou enfermiza, pensando nos que viven (v. 21) e lembrando a inevitabilidade da morte (v. 22); recórdase a actitude de David en 2 Sam **12**, 22.

**38**, 24ss As "Sátiras de oficios" eran un xénero característico das literaturas sapienciais da antigüidade do Oriente Próximo e floreceron especialmente na cultura exipcia (cf a Instrución de Duauf do papiro Anastasi).

**38**, 25-34 É peculiar nesta sección o detalle de observación da artesanía cidadá e a insistencia no traballo nocturno e na inestabilidade económica nun comercio totalmente ocasional como era o do "xuq" (mercado, ou rúa do mercado) hebreo. En troques, Ben Sírah sabe dar o aprecio que convén á función destes cidadáns na vida social, e non insiste en denigralos (cf vv. 32. 34).

preocúpase por deixar ben vernizado
e todo o seu desexo é deixar limpo o forno.
31Estes todos poñen confianza nas súas mans
e cadaquén entende do seu oficio,
32sen eles non é habitable unha cidade,
ninguén podería morar nin viaxar.
33Mais non van á procura deles para o consello do pobo,
nin teñen asento de mérito na asemblea;
non asentan na sede do xuíz,
non cavilan sobre a lei e o dereito,
non amosan unha cultura penetrante
e de sentencias sutís non entenden;
34empréganse só en tarefas profanas
e a súa teima esgótase no exercicio do seu mester.

b) *O sabio de novo cuño*

**39** 1Aquel, en troques, que aplica o seu espírito
a cavilar na Lei do Altísimo,
esculca na sabedoría dos devanceiros,
dálle tempo ao estudo das profecías,
2pescuda as disertacións de homes famosos
e penetra nas dificultades das sentencias;
3inquire o sentido oculto dos proverbios,
cóllelles as voltas aos enigmas das parábolas.
4Presta servizo ante os grandes,
comparece ante os príncipes;
viaxa por nacións estranxeiras
experimentando o que hai de bo e de malo entre os homes.
5Desde o amencer diríxese con todo o seu ánimo
ao Señor que o creou
e suplica na presenza do Altísimo;
abre a boca cunha pregaria
e roga perdón polos pecados.
6Se o gran Señor quixese,
será colmado dun espírito intelixente;
faralle orballar palabras sabias
de xeito que confese ante o Señor na súa pregaria;
7dirixiralle o querer e o saber
para que abonde nos seus segredos;
8revelaralle a doutrina do seu ensino
para que teña o seu orgullo na Lei da alianza do Señor.
9Moitos loarán a súa perspicacia
que non será endexamais esquecida;
non perecerá o seu recordo
e a súa sona manterase viva por xeracións.
10Comentarán as nacións a súa sabedoría
e a asemblea proclamará a súa loanza.
11En canto viva será máis famoso ca moitos miles,
cando morra abondaralle co seu nome.

**39**, 12ss O motivo ou título do fragmento vén dado nos vv. 32. 34: Ben Sírah colleu unha tese de teodicea e desenvolveuna, acudindo aos seus coñecementos da Biblia e co seu método circular de expor. Vanse tocando os temas da omnipotencia e omnisciencia divinas (vv. 17-20), a oportunidade de cada obra ao seu tempo, a pesar das obxeccións propostas por un imaxinario contrincante (vv. 21-24), a providencia (vv. 25-31) no diverso efecto das cousas de primeira necesidade (vv. 25-27) e na funcionalidade e uso que Deus pon nos elementos como instrumentos do seu poder (vv. 28-31).

**Deus todo o fixo ben**

12 Vou aínda proseguir as miñas reflexións
pois estou delas cheo coma o luar a mes mediado:
13 escoitádeme, fillos piadosos, e agromaredes
coma a roseira plantada á beira da corrente;
14 recenderedes coma o incenso,
florecerédes coma o lirio.
Erguede a voz loando a coro
e celebrade o Señor por todas as súas obras,
15 engrandecede o seu nome,
proclamade a súa loanza
ao son da cítola e toda clase de cántiga,
dicindo deste xeito, aclamando:
16 As obras de Deus son todas boas,
todo canto cómpre dispono El ao seu tempo.
17 A súa voz detense e a auga embólsase,
xorde da súa cámara co mandado da súa boca;
18 o seu parecer realízase de súpeto,
ninguén pode deter o seu triunfo;
19 sonlle patentes as obras de todo vivente,
nada se esconde aos seus ollos;
20 olla da eternidade á eternidade,
nada hai extraordinario para el.
21 Non se pode dicir: "Isto para que vale?";
pois cada cousa foi escolleita para o seu fin;
Nin é doado dicir: "Isto é peor ca aquilo";
pois cada cousa ten valor no seu tempo.
22 A súa bendición reborda coma o Nilo,
coma o Éufrates alaga o universo;
23 tamén a súa carraxe espolia as nacións
e troca en estepa de sal campías de rega.
24 Os seus vieiros son terreo chan para os íntegros,
por contra son fragosos para os impíos.
25 Desde o comezo fixo os bens para os bos
e para os malvados, bens e males.
26 De primeira necesidade para unha vida humana, son:
auga e lume, ferro e sal,
a flor do trigo, o leite, o mel,
zume de uva, aceite e vestido;
27 isto todo é de proveito para os bos,
mais para os malvados trócase en mal.
28 Existen ventos creados para a vinganza
que na súa carraxe arrincan as montañas;
no tempo da ira amosan a súa forza
amainando a xenreira do seu creador;
29 lume e sarabia, fame e peste
tamén foron creados para o castigo;
30 bestas feras, alacrán e víbora,
e a espada vingadora, para a extinción de impíos.
Cada un deles foron creados para o seu propósito

**39**, 21 A cuestión do intre oportuno retráenos á memoria o tema de Ecl **3**, 11, se ben empregado nun sentido providencialista positivo.
**39**, 22 Unha observación xeográfica sobre Exipto fai rememorar a historia bíblica (v. 23a; cf Éx **12**, 35-36).
**39**, 26 A "decena da supervivencia" insiste na dispoñibilidade dos bens para todos, bos e malos e en como é o home quen os retorce ao seu xeito.
**39**, 29-30 Estes vv. fan de novo alusión ás pragas de Exipto.
**39**, 30 A imaxe dos piornos do ceo onde se amorean os fenómenos meteorolóxicos e os decretos para a intervención dos seres encargados do castigo é tradicional en Israel.

e esperan no celeiro o seu tempo oportuno;
31cando lles dá un mandado alédanse,
non se reviran contra os seus decretos.
32Velaquí o que desde o comezo tentei cavilar,
o que examinei e deixei por escrito:
33Todas as obras de Deus son boas;
todo canto cómpre, dispono El ao seu tempo.
34Non se pode dicir: "Isto é peor ca aquilo";
pois cada cousa ten valor no seu momento.
35Aledádevos, logo, de todo corazón
e bendicide o nome do Santo.

**Da vida e da morte**

a) *Canseira da vida*

**40** 1Deus distribuíu unha grande angueira
e un pesado xugo entre os fillos de Adán,
desde o día no que saen do ventre materno
ata o día no que volven para a nai de todo vivente:
2matinacións, tremor de corazón,
aprehensión polo futuro, día da morte.
3Desde o que asenta no elevado trono
ata o que se deita sobre po e cinsa,
4desde o que cingue tiara e diadema
ata o que se acubilla no seu mantelo de pelello:
soamente celos, degoiros e angustia,
terror á morte, xenreira e liortas.
5E cando procura repousar no leito
o sono nocturno túrballe o ánimo;
6acouga un momento, repousa un instante,
e xa o alporizan os pesadelos;
abafado polas imaxes internas
séntese coma o fuxido correndo diante do perseguidor;
7cando está para ceibarse, esperta
e decátase de que non tiña motivo o medo.
8Deste xeito ocórrelle a todo vivente sexa home ou besta,
e sete veces peor aos pecadores:
9peste e sangue, febre e seca,
desfeita e destrución, fame e morte.
10En contra do malvado foi creado o mal,
por culpa súa non faltará a ruína.
11Canto procede da terra volta para a terra,
canto provén do alto torna ao alto.

**40**, 1ss Un aire novo percorre as seccións seguintes. A dor, as aprehensións, a anguria ante a morte, e, en contraste, a vida, a permanencia da sona e da descendencia coas súas ambigüidades, chegan a vincular un fato de estrofas con algunhas interrupcións.
Poderíase inferir destas reflexións un comentario libre a temas do Ecl (cf vv. **40**, 1. 2. 11. 18; **41**, 4a), chegando mesmo á citación verbal do motivo "a vida é un sopro" (**41**, 11). Con todo, o tratamento irá adaptado ás claves relixiosas do autor, botando fóra a amargura de Qohélet e afincando no Temor de Deus e no comportamento moral para manter a esperanza.

**40**, 1 Nótese a mención da terra "nai", de influxo helénico.
**40**, 5-7 Motivo do pesadelo (cf Xob **7** e Ecl **2**, 22s) como ampliación do dominio do medo alén dos lindeiros da conciencia.
**40**, 8-10 A afirmación dos vv. 8-10 é curiosa e típica de Ben Sírah: o mal atangue especialmente ao pecador; aínda máis, se existe o mal, é por causa del.
**40**, 11 Cf Ecl **12**, 7, afirmación que no contexto resoa estraña nos labios do presente autor.

b) *A lealdade permanece*
12Todo regalo inxusto desaparecerá
mais a lealdade permanece para sempre;
13facenda mal adquirida é coma a crecida constante,
coma regato cheo co arroiar da treboada;
14co seu xurdir fai rodar os penedos
e nun momento esmorece para sempre.
15O gromo da violencia non abrocha
pois é raiceira cativa sobre cumio de rocha,
16é coma os caneiros á beira do regato
que secan antes de calquera verdura,
17mentres que a lealdade non se conmove endexamais
e a esmola perdura sempre.

c) *"Aínda mellor"*
18Doce é a vida coma o viño forte;
mellor ca os dous é atopar un tesouro.
19Fillos e cidades fundadas perpetúan a sona;
mellor ca os dous é atopar sabedoría;
ceba de gando e plantacións fan célebre un home,
pero máis ca as dúas, unha muller sen chata.
20Viño e licor aledan o corazón,
mellor ca os dous é un amor agarimoso.
21Frauta e arpa embelecen o canto,
mellor ca as dúas é unha voz ben temperada.
22Beleza e xeito engadan os ollos,
mellor ca os dous é o verdear da campía.
23Amigo e compañeiro chegan no intre xusto,
mellor ca eles dous, a muller asisada.
24Irmán e salvador chegan no tempo da angustia,
máis ca eles dous salva a esmola.
25Ouro e prata afincan ben os pés:
mellor ca os dous é un bo consello.
26Riqueza e poderío exaltan o espírito,
mellor ca os dous é o temor de Deus.
Co temor do Señor non hai falta de nada,
e téndoo non cómpre máis apoio.
27O temor de Deus é coma un Edén de felicidade
e o seu dosel está todo cheo de gloria.

d) *Vida sen dependencia*
28Filliño, non leves unha vida de mendigo,
máis conta ten morrer que andar a pedir,
29quen ten que estar a ollar para a mesa allea
leva unha vida que non é vida;
pois un fica lixado cun xantar semellante,
a un home sabio revolveríalle o estómago.
30A un home sen dignidade sábelle ben o mendigado
mais no interior quéimao coma o lume.

**40**, 12-17 De fronte á sorte unívoca da morte dos homes, Ben Sírah fai un xuízo recuperador de valores parciais: hai cousas que permanecerán. Termos decisivos nesta sección son os conceptos conservados no v. 12 (o grego "pistis", que podemos interpretar "verdade e fidelidade") e no v. 17 (o hebreo "hésed" co seu correspondente grego "haris" = "graza, favor"). Por máis que neste segundo caso o termo semella recollido da lingua dos Salmos (cf Sal **136**: "A súa fidelidade, piedade..."), o contexto non fala directamente de Deus senón do home.
**40**, 18-27 O medo da morte non é quen de facer desaparecer a bondade da vida. Quizais o influxo do Ecl, co seu canto da felicidade posible e as súas series "mellor ca" (cf c. **7**) suxiren a Ben Sírah unha chea de comparacións que salientan os valores humanos recuperables. É notable a constancia da valoración positiva da muller, o sentimento de solidariedade e a sensibilidade pola fermosura.

e) *A morte: laio e bendición*

**41** [1]Oh morte, que aceda é a túa lembranza
para quen mora quedo nos seus eidos,
para quen vive en paz e todo lle vai ben
e aínda ten folgos para gozar de pracer!
[2]Oh morte, que bo é o teu decreto
para o home mísero e falto de vigor,
para quen tropeza e se ve atrapado por todas as partes,
para quen abanea e perdeu a esperanza!
[3]Non teñas medo do teu destino mortal,
lembra que o mesmo vale para os que te precederon e te sigan.
[4]É a sorte que Deus lle impuxo a todo vivente,
como vas refugar a Lei do Altísimo?
Vivas mil, cen ou dez anos,
non se protesta no xeol polo que dura a vida.

f) *Descendencia e sona*

[5]Descendencia desbotada é a dos malvados
que van a miúdo á casa dos impíos.
[6]Arrincaranlle o poderío ao fillo do perverso
e a aldraxe acompañará a súa prole.
[7]A un pai malvado maldío o seu fillo
pois por culpa del sofre a deshonra.
[8]Ai de vós, impíos,
que abandonades a Lei do Altísimo!
[9]Se vos multiplicades será para a desventura,
se procreades será para a coita;
ao caerdes haberá escarnio permanente,
cando morrades será na maldición.
[10]Canto vén da nada volve á nada,
así o impío: do baleiro ao baleiro.
[11]Un home no seu corpo é un sopro,
mais o nome do piadoso non perece.
[12]Coida do teu bo nome pois hache valer máis
do que un milleiro de tesouros prezados.
[13]A ledicia de vivir dura días contados;
a boa sona, anos sen fin.

**Clases de vergoña**

[14b]Sabedoría agachada e tesouro oculto
de que serven ambos os dous?
[15]Máis vale quen agacha a súa tolemia
ca o que esconde a súa sabedoría.
[14a]Filliños, escoitade a instrución sobre a vergoña
[16]e confundídevos seguindo o meu xuízo;
pois non é valiosa unha vergoña calquera
nin é aceptable calquera rubor.

**41**, 1-4 O autor non esqueceu o tema iniciado no **40**, 1. A morte segue presente e ameazante. O consolo de Ben Sírah é pobre, por máis que baseado na vontade de Deus (v. 4), pois busca unha solución filosófica na psicoloxía ou na idea da compensación xusta; na dimensión do alén non entra o pensamento da fidelidade persoal por parte de Iavé, pensamento que agromará na veciña "era dos mártires" (cf libros de Daniel e Macabeos), como xa aparecera no Sal **63**, 4.
**41**, 5-13 O pensamento dunha retribución inmanente só no terra, non no alén, leva ao sabio a admitir unha diferenza no éxito das vidas, que se pode medir nos fillos. A brevidade da existencia procura compensación no nome e na sona que deixa tras de si e na súa familia, para bendición ou maldición. A ilusión e a esperanza que reflicten os vv. 11 e 13 non pode menos de facernos sentir un fondo respecto por quen non oíra aínda a mensaxe da "morte da morte" (1 Cor **15**, 55).
**41**, 14. 21 Estes vv. foron alterados na súa orde natural no decurso da transmisión.

17Avergóñate da fornicación diante de teu pai e de túa nai,
e diante do principal e o maior, pola mentira;
18da falsidade, ante o dono e a ama;
diante da asemblea do pobo, por un crime;
ante o compañeiro e veciño, pola traizón;
19no lugar da túa morada, por un roubo,
por non manter compromisos xurados,
por afincar os cóbados na mesa,
por refugar un don que se che pide;
21a por non recoñecer un amigo,
por impedir a repartición das partillas;
20por facer o xordo ante quen te saúda,
por fitar muller allea
21c ou frecuentar a súa criada;
22diante do amigo, por verbas inxuriosas,
e despois de facer un don, por botalo en cara;

**42** 1de repetir unha verba que escoitaches
e descubrir un plan secreto.
Deste xeito avergoñaríaste de verdade
atopando favor aos ollos de todos.
Mais do seguinte non te avergoñes
nin teñas respectos pecaminosos:
2da Lei do Altísimo e do mandato,
do dereito, ata absolver un culpado,
3de facer as contas co socio e o patrón,
de distribuír a herdanza e a facenda,
4de limpar a balanza e os pratiños,
de comprobar a medida e o peso,
dun prezo de venda nin moi alto nin moi baixo,
5de axustar o mercado co tratante;
de corrixir os fillos a miúdo
e de escorrerlle o sangue do lombo ao criado túzaro;
6de atrancar con ferrollo a muller viciosa
e botar chave onde anden mans lixeiras;
7de levar conta do que che deixan en depósito
e ter anotado no libro o debe e o haber;
8de corrixir o desasisado e o inxenuo
e o vello decrépito que coa luxuria perdeu os cascos.
Dese xeito serás verdadeiramente sabio
e home de ben ante todo vivente.

### Crianza das fillas

9Para un pai unha filla é un tesouro incerto,
coa preocupación lévalle o sono:
de moza, que se non vai casar,
de casada, que se a van repudiar;
10cando é virxe, por se lla violan,
vivindo no lar do marido, para que non sexa infiel;
no lar de seu pai, que non fique grávida,
no lar do seu home, que non sexa estéril.

**42**, 14 Máxima que se presta a unha crítica de antifeminismo. Cómpre lela en relación cos vv. 12. 13, coa súa referencia ao xineceo (a bet naxim hebrea), alcoba das mulleres na casa israelita cidadá, onde as pequenas e mozas podían escoitar as murmuracións e conversas non sempre edificantes das criadas e mulleres casadas, únicas ás que era doado o ingreso na peza.

[11]Filliño, vixía a túa rapaza
non che vaia procurar mala sona,
murmurios na cidade, escarnio do pobo,
e che cause deshonra na asemblea da porta.
Na súa alcoba, nada de fiestras,
nin peza con accesos visible pola volta.
[12]Que non lle amose a súa beleza a home ningún
nin vaia rexoubar no xineceo,
[13]pois, se dun vestido sae a couza,
dunha muller sae a malicia doutra.
[14]Mellor é malicia de home ca boas maneiras de muller,
e moza deshonrada carrexa baldón.

# PARTE SEGUNDA

## LIBRO DA GRANDEZA DE DEUS

### I. A creación

**Grandeza de Deus na creación**

[15]Quero lembrar as obras de Deus,
contarei canto teño contemplado:
Pola palabra de Deus foron creadas
e foi instrución del que fagan a súa vontade.
[16]Coma o sol do abrente resplandece sobre todo,
así a gloria do Señor sobre todas as obras.
[17]Nin os santos de Deus foron tales
de narraren as marabillas do Señor.
Concédelles Deus a forza aos seus exércitos
para se manteren rexos na presenza da súa maxestade.
[18]El sonda o abismo o igual ca o corazón
e inquire todos os seus segredos,
porque o Altísimo coñece todo o coñecible
e albisca os signos do mundo futuro,
[19]manifesta o pasado e o vindeiro
e desvela o celme dos misterios.
[20]Non lle foxe saber ningún,
non hai cousa que se lle esconda.
[21]A magnitude da súa sabedoría está ben confirmada,
desde a eternidade é o único
sen que se lle poida engadir ou quitar
e non precisa de sabios.
[22]Non son por caso admirables todas as súas obras
sendo só unha faísca o que delas se ve?
[23]El vive e permanece para sempre
e, en canto se precisa, escoita a todos.
[24]Calquera cousa é diversa doutra,
mais nada fixo en van.
[25]Unha supera a outra na perfección
e quen se dará farto de contemplar beleza tal?

**42**, 15 Parte segunda: "Libro da grandeza de Deus" (cc. **42**, 15-**50**, 29). Comeza aquí a segunda parte do libro, que se abre nun ton diverso ao dos dous volumes previos. Titulámolo "Libro da grandeza de Deus", porque, na súa composición bipartita, ten por obxecto loar a sabia obra de Deus na creación e na historia de Israel.

**42**, 18-20 Omnisciencia de Deus sobre o mundo creado, o tempo e as intelixencias. As reminiscencias de textos de Pr **15**, 11, Sal **17**, 31; **139** e profetas (Is **45**, 21; **48**, 12ss), son frecuentes.

**As marabillas da creación**

**43** [1]Esplendor das alturas é o firmamento na súa enxebreza
e a aparencia dos ceos é un espectáculo maxestoso.
[2]Érguese o sol espallando a calor,
–que admirable feitura do Señor!–
[3]ao mediodía abura a terra:
quen pode facer fronte á súa quentura?
[4]Forno ben atizado pon candente o metal fundido,
as raiolas do sol incendian os montes;
unha labarada do astro consome a terra habitada,
é un facho que cega os ollos.
[5]Abofé, grande é o Señor que o fixo,
coas súas palabras fai brillar os seus seres poderosos.
[6]Tamén a lúa reloce en tempos sucesivos
medindo os períodos como sinal constante;
[7]ela determina festas e datas
coa súa luz suave que vai esmorecendo;
[8]renóvase mes tras mes:
que admirable nas súas fases!
Axuda para as caravanas, candea celeste
que aluma o firmamento co seu esplendor.
[9]As estrelas son fermoso ornamento do ceo,
a súa luz resplandece nas alturas divinas,
[10]ao mandado de Deus seguen quedas no seu lugar
e non ceden os seus postos de vixía.
[11]Olla para o arco da vella e bendice a quen o fixo:
que marabilloso no seu esplendor!
[12]Cingue o ceo cun círculo glorioso,
é a man de Deus a que o tende.
[13]O seu poderío fai coruscar o lóstrego
e fulxir as faíscas de acordo cunha orde;
[14]con esta fin creou os seus piornos
e fixo voar as nubes coma voitres;
[15]a súa potencia condensa as nubes
e esfaragulla as pedras da sarabia.
[16]O estrondo do seu trebón arrepía a terra
e coa súa forza tremen as montañas;
[17]á súa orde érguese o vento do sur,
o nordés, a treboada e a galerna;
[18]coma banda de paxaros esparexe a neve
que cae coma cando pousan os saltóns;
o brillar da súa brancura enfeitiza os ollos,
ao farrapear fica o ánimo arroubado.
[19]Espalla a xeada coma o sal
e as súas floriñas resplandecen coma zafiros.
[20]Ceiba o frío xistral
que conxela a lagoa coma unha codia,
pon un cobertor sobre toda superficie de auga
e reviste a fonte dunha coiraza;
[21]do mesmo xeito que a seca, queima a vexetación dos montes
e os pasteiros da campía coma unha chama;
[22]menciña disto todo é a súbita nube de orballo
que se esparexe para amolecer o sequeiro.

**43**, 1-29 Reflíctese na exposición o canon clásico da "lista sapiencial", especie de catálogo cosmolóxico que se descobre aínda en Xob **38-39**; Sal **104**; **136**; **148**; Dn **3**, 52ss (adicións gregas), etc..., e que ten a remota ascendencia na "Ciencia das listas" de Sumer e Exipto.

[23]Co seu plan puxo orde no océano
e plantou illas no mar;
[24]os mariñeiros contan dos seus confíns
e ao escoitalos cos nosos oídos ficamos abraiados;
[25]nel atópanse as máis estrañas das súas criaturas,
toda caste de bestas e monstros oceánicos;
[26]grazas a el o mensaxeiro cumpre co seu mandado
e as súas palabras levan a cabo o intento.
[27]Non é cousa de seguir repetindo outro tanto;
en conclusión: El éo todo.
[28]Continuaremos a loalo pois non é doado definilo:
El é meirande ca todas as súas obras.
[29]O Señor é digno de toda admiración
e as súas empresas son marabillosas.

**Exhortación á loanza**

[30]Vós que enxalzades o Señor, erguede a voz
con todos os azos, pois sempre será pouco;
os que entoades, renovade os folgos
sen darvos cansos, que non o esgotaredes.
[31]Quen o viu para poder describilo?
A quen lle é dado enxalzalo como é?
[32]Moitas cousas hai máis arcanas ca estas;
eu só considerei un anaquiño das súas obras;
[33]porque o Señor fíxoo todo
e aos piadosos concédelles a sabedoría.

## II. Loanza dos devanceiros

**Introdución solemne**

**44** [1]Farei loanza dos homes de ben,
dos nosos devanceiros, pola súa orde;
[2]o Altísimo concedeulles unha gloria inmensa
e engrandeceunos desde días antigos:
[3]a gobernantes do país, pola dignidade real,
a homes famosos, polos seus grandes feitos,
a conselleiros, pola súa habelencia,
a visionarios universais, polas súas profecías,
[4]a príncipes de nacións, pola súa perspicacia,
a maxistrados, pola súa profundidade,
a razoadores tribunos, pola súa elocuencia,
a relatores de sentenzas, pola súa vixilancia da tradición,
[5]a compositores de cántigas segundo as normas,
a seleccionadores de refráns por escrito,
[6]homes ricos e cheos de poder
que viviron en paz nas súas moradas;
[7]todos eles foron distinguidos entre os seus contemporáneos
e glorificados xa no seu tempo;

**43**, 23-26 O mar testemuña a curiosidade medoranta do mundo antigo ante o seu misterio (cf os "Relatos do náufrago" e "Sinuhé" en Exipto e a "Odisea" grega); ao mesmo tempo aparece como lugar dos monstros mariños, xa non mitificados (véxase Xob **7**, 12; Sal **104**, 26), pero aínda estarrecedores.
**43**, 27-28 En dúas frases lapidarias resúmese toda a teoloxía do fragmento: Deus é todo, está en todo; Deus é meirande ca todo.
**44**, 1 Loanza dos devanceiros (**44**, 1-**50**, 24): Ao longo de sete prolixos capítulos o autor vai presentar a actuación do Deus de Israel na historia. Con este obxecto bota man da súa lectura da Biblia, engadindo acá e alá elementos midráxicos (recollidos de tradicións libres) e noticias do seu propio coñecemento. Trátase de presentar aos lectores modelos de vida e de virtude, propostos como exemplo de humanidade en Israel, e testemuño da sabedoría da que se falou na parte primeira do libro (unha mentalidade semellante atópase nos "Testamentos dos XII Patriarcas" e máis adiante nos rabínicos Pirqé Abbot, "Ditos dos pais").

[8]máis dun deixou tras de si un nome
que vai unido á súa herdanza.
[9]Doutros non se conserva a lembranza,
ao eles finaren, acabouse,
e foron coma se non existisen,
e outro tanto os seus fillos despois deles.
[10]Mais estes foron homes virtuosos
e a súa esperanza non tivo fin;
[11]na súa prole mantense a felicidade
e a súa herdanza chega ata os seus netos;
[12]os descendentes manteñen os seus compromisos
e, por medio deles, tamén os netos;
[13]a súa lembranza permanece eternamente,
non se borrará a súa caridade;
[14]o seu corpo foi enterrado en paz,
a súa sona vive por idades sen termo;
[15]a súa sabedoría cóntaa a comunidade,
o seu loor repíteo a asemblea.

**Os fundadores**

a) *Patriarcas no tempo do diluvio*
[16]Henoc foi atopado íntegro no seu camiñar co Señor,
exemplo de mística para todas as xeracións.

[17]Noé, home xusto, foi encontrado perfecto;
no tempo do exterminio foi coma un remanecer,
por el subsistiu un resto,
polo seu pacto cesou o diluvio,
[18]concluído con el por medio dun sinal eterno
de xeito que non fosen aniquilados todos os viventes.

b) *Os pais da raza*
[19]Abraham foi pai dunha chea de nacións,
no seu honor non se atopa chata
[20]pois observou os mandatos do Altísimo
e estableceu con El unha alianza
tallando na súa carne o que lle fora prescrito
e amosándose fiel na proba.
[21]Por iso prometeulle con xuramento
bendicir as nacións na súa posteridade,
multiplicándoo coma o po da terra
e exaltando os seus descendentes coma astros,
concedéndolles unha herdanza de mar a mar
desde o Éufrates ata os lindes do mundo.

[22]Tamén con Isaac fixo o mesmo
en razón de seu pai Abraham.

**44**, 16 A figura citada para presentar aos patriarcas antediluvianos, Henoc, é sintomática da época. A súa presenza en libros posteriores como no apócrifo do seu nome, no libro dos Xubileus, no da Sabedoría (**4**, 10), e máis adiante na Carta aos Hebreos (**11**, 5), dá fe da profunda significación que acadou nunha tradición apocalíptica na que destaca como o revelador de visións, próximo aos misterios de Deus, e encargado de chamar á penitencia ao seu pobo antes da fin do mundo. Na creación desta figura posiblemente se mesturou a cavilación sobre a breve noticia que del se dá en Xén **5**, 24, como home "arrebatado por Iavé", cunha figura mítica de sabio escritor e astrónomo babilonio, chegada a Israel na época persa.
**44**, 17 Con Noé faise mención da primeira alianza e do reflorecer, por obra da xustiza dun home, da raza humana.
**44**, 19 A presenza de Abraham é concisa, mais lograda, nunha síntese completa dos seus feitos. Cómpre subliñar a citación da circuncisión como causa da alianza por xuramento (non xa a fe nin o sacrificio de Isaac, v. 21). Neste tempo estábase a loitar pola fidelidade a esta institución, que diferenciaba étnica e relixiosamente a helenizados e israelitas fieis (cf 1 Mac **1**, 15).

[23]A alianza de todos os devanceiros pousou
e a bendición descendeu sobre a cabeza de Israel.
Confirmouno na bendición
e deulle a súa herdanza.
Organizouno en tribos,
dividiuno nunha ducia de grupos.

c) *Os pais da lei e do culto*

**45** [1]Del saíu un home
que atopou favor aos ollos de todo vivente,
amado de Deus e dos homes:
Moisés, de feliz lembranza.
[2]Constituíuno *elohim*
e fíxoo potente entre os ilustres;
[3]coa súa palabra acelerou os signos,
fortaleceuno diante do rei,
púxoo ao mando do seu pobo
e reveloulle a súa gloria.
[4]Pola súa fidelidade e sinxeleza
escolleuno de entre todos os viventes;
[5]fíxolle escoitar a súa voz
e deixouno aproximarse á mesta nube;
puxo na súa man o mandato,
a lei da vida e a comprensión dela,
para que lle ensinase a Xacob os seus decretos
e os seus preceptos e dereito a Israel.
[6]Soergueu outro santo, Aharón, da tribo de Leví,
[7]instituíndoo cun decreto eterno,
impoñéndolle a dignidade
para que fixese o servizo da súa gloria;
cinguiuno coa forza do búfalo,
vestiuno co manto de honor.
[8]Revestiuno de ornamentos magníficos,
adornándoo con alfaias preciosas,
cos calzóns, a túnica e o manto;
[9]púxolle, todo en torno, milgrandas,
cunha morea de campaíñas arredor
que repenicasen harmoniosas ao camiñar,
de xeito que a súa música se oíse no Santo dos Santos,
como memorial para os fillos do pobo;
[10]vestimentas sagradas de ouro e púrpura
e vermellas, traballo de bordador,
o peitoral do xuízo, o *efod* e o cinto,
o pano escarlata, feitura do tecedor;

**44**, 23 Referencia a Xacob baixo o nome de Israel, coa súa estrutura tribal. O sentimento nacional faise sentir en todas as pasaxes desta composición.

**45**, 1-26: Os pais da lei e o culto.

**45**, 1ss As figuras de meirande renome no pensar do autor son os portadores da lei e os celebrantes da liturxia do pobo. En consecuencia, dedícalles un longo capítulo no que a mesma distribución é xa sintomática: vv. 1-5: Moisés; vv. 6-22: Aharón; vv. 23-25d: Pinhás.

**45**, 1 Moisés queda ligado aos patriarcas (cf v. 1; o v. 1a. b, na tradución grega súmase ao v. 26 como remate do capítulo anterior), e preséntase como un escriba encargado da transmisión e interpretación da lei, ao modo de Esdras (v. 5). A dimensión de "elohim", ou "pertencente á esfera do divino" (v. 2) vénlle da súa proximidade a Deus e ao seu poder.

**45**, 6-7 Aharón recibe o tratamento máis longo da sección: queda patente a preocupación cúltica de Ben Sírah e a súa admiración polo ritual.

**45**, 8-13 Descrición dos pormenores das vestimentas cúlticas (cf Éx **28**). O valor que tales símbolos tiñan na antigüidade e as súas interpretacións (elementos do universo, presenza do pobo, presenza de Deus) escapan á nosa sensibilidade. As campaíñas (v. 9) avisaban da presenza e preparaban á reverencia. O selo sobre o peito (v. 11) levaba os nomes das doce tribos. O *efod*, placa metálica ou pano bordado, tiña remotas orixes cananeas. A referencia "Qódex" (= santo), sobre a fronte recordaba a dedicación a Deus.

[11]as xoias sobre o folequiño peitoral,
as tallas nos selos engastados,
cunha inscrición incisa para a lembranza
segundo o número das tribos de Israel;
[12]a coroa de ouro no turbante
e a lámina coa inscrición: "Santo",
dignidade gloriosa, poderosa nobreza,
delicia para os ollos, fermosura perfecta.
[13]Antes del non houbo nada semellante,
endexamais non as vestira un profano;
soamente un dos seus fillos
e os fillos deles conforme as xenealoxías.
[14]As súas oblacións consómense totalmente,
dúas veces no día sen interrupción.
[15]Consagrouno Moisés
unxíndoo co aceite sacro;
isto foi para el un compromiso eterno
e para a súa proxenie, mentres o ceo dure,
de xeito que sirvan a Deus e fagan de sacerdotes,
e bendigan o pobo no seu nome.
[16]Escolleuno de entre todos os viventes
para que presente o holocausto e as graxas,
para fumegar o aroma suave e o memorial
e para expiar polos fillos de Israel.
[17]Encargouno dos seus mandamentos,
deulle poder sobre decretos e dereito,
para que lle ensinase ao seu pobo o prescrito
e a súa lei aos fillos de Israel.
[18]Algúns profanos acendéronse contra el,
envexándoo no deserto:
xente de Datán e Abirán
co grupo dos de Coré, cheos de carraxe.
[19]O Señor, ao velo, encheuse de ira
e exterminounos na súa ardente xenreira;
fíxolles vir enriba un prodixio,
a labarada do seu lume que os engulipou.
[20]En troques a Aharón creceulle o honor
determinándolle a súa herdanza
e asignándolle por xantar as primicias sagradas
[21]para que coman das ofrendas do Señor:
o pan da presentación é a súa parte,
don para el e para a súa descendencia.
[22]Soamente na terra non terán herdanza
nin percibirán posesións de entre eles;
partilla e herdanza súa son as oblacións do Señor
no medio dos fillos de Israel.

[23]Tras el vén Pinhás, fillo de Elazar,
como terceiro en sona polas súas fazañas;
no seu celo polo Deus do universo
mantívose na brecha en favor do seu pobo,
e co seu nobre corazón
fixo expiación polos fillos de Israel.

**45**, 23-25 Figura en aparencia de segunda liña: Pinhás (cf Núm **25**, 7-13; Sal **106**, 30-31), pero de grande valor para Ben Sirah. Sae ao paso dunha obxección proposta polos novos sumos sacerdotes, de que a promesa de Deus a Aharón era a título persoal e non privilexio sucesorio. Ben Sírah é lexitimista e na "sucesión" recta ve unha das garantías da presenza de Deus en Israel.

[24]Con el estableceu tamén un decreto,
o contrato pacífico de manter o santuario
de xeito que fose del e da súa prole
o sumo sacerdocio para sempre;
[25]pois se ben a alianza con David,
o fillo de Iexé, da tribo de Xudá,
é herdanza individual en razón da súa dignidade,
a herdanza de Aharón pasa a todos os descendentes.

E agora, bendicide o Señor, o bo,
que vos coroou de gloria.
[26]Déavos El a sabedoría do corazón
para gobernardes con xustiza o seu pobo
e para que El non se esqueza da nosa felicidade
e da vosa grandeza por xeracións sen conta.

**Heroes, reis e profetas**

a) *Tempo da posesión da terra*

**46** [1]Heroico guerreiro foi Xosué, fillo de Nun,
axudante de Moisés no oficio profético,
creado para acadar nos seus días
unha gran vitoria a prol dos elixidos
vingándose dos inimigos
e distribuíndo a herdanza a Israel.
[2]Que glorioso cando tendía o brazo
ou cando brandía a lanza en contra dunha vila!
[3]Quen foi tal de lle facer fronte
cando loitaba as guerras do Señor?
[4]Non se detivo o sol ao seu mandado
trocando un día en dous?
[5]Pois invocou o Deus Altísimo,
cando arredor o envolvían os inimigos,
e o Deus Altísimo respondeu
con pedras de sarabia e de xeo,
[6]dando con elas sobre o pobo adversario
e destruíndo na Baixada os rebeldes,
de xeito que todo este pobo consagrado ao exterminio
soubese que era Iavé quen dirixía as súas batallas.
[7]E por riba diso, dado que seguira a Deus en todo
e se mantivera fiel no tempo de Moisés
xunto con Caleb, fillo de Iefuné,
resistindo a subversión da asemblea
para afastaren a ira da comunidade
e facer cesar a maliciosa murmuración,
[8]foron gardados só os dous,
de entre seiscentos mil homes de a pé,
para seren introducidos na súa herdanza,
nunha terra que deita leite e mel.

**45**, 25 O autor non comparte ningunha sorte de mesianismo davídico; a ausencia de reis e líderes no seu tempo daba base a tal actitude: cf **47**, 1-12.

**46**, 1ss Coa serie tripla dos fundadores o autor vai repasando os distintos personaxes de máis relevo. Ao ritmo da historia, a escolma detense sobre todo nas persoas creativas, reflexivas ou críticas, salientándoas segundo o seu valer individual. Segundo a análise do autor, e lendo entre liñas, a comunidade do seu tempo pode estar pervertida (v. 7); o liberador só poderá ser alguén que sirva ao lexislador e participe do espírito profético (cf v. 1). Soamente deste xeito, indirectamente, algúns comentadores descobren en Ben Sírah o agromar dunha preocupación de lonxe parella ao mesianismo. No v. 1c a versión grega le: "creado para ser conforme o seu nome", xogando coa etimoloxía de Xosué (= Iavé salva").

9A Caleb concedeulle Deus un tal pulo,
que lle había durar ata a vellez,
para facelo subir ata os altos do país
e que a súa posteridade conservase tamén a herdanza,
10e para que deste xeito toda a descendencia de Xacob se decatase
de que é boa cousa dedicarse de cheo ao Señor.

b) *Tempo dos xuíces*
11Doutra banda están os xuíces con cadanseu nome,
todos persoas que non deixaron perverter o seu ánimo
e non se apartaron de Deus:
Bendita sexa a súa lembranza!
12Que os seus ósos reflorezan na cova
e a súa sona se renove nos seus fillos!
13Querido do pobo e predilecto do seu facedor,
chamado desde o ventre de súa nai,
consagrado do Señor para profeta,
foi Samuel, xuíz e sacerdote.
Por mandado de Deus instituíu a monarquía
e unxiu príncipes sobre o pobo.
14Gobernou a comunidade segundo os mandamentos do Señor
inspeccionando as tendas de Xacob;
15pola súa fidelidade foi consultado como vidente
e pola súa palabra deuse fe a un pastor.
16Tamén el invocou a Deus
cando o envolvían os seus inimigos
ao tempo que sacrificaba un año mamote;
17tronou o Señor desde o ceo
e a súa voz oíuse cun estrondo terrible;
18esnaquizou os caudillos adversarios
e destruíu todos os príncipes filisteos.
19Cando xacía no seu leito
puxo por testemuñas o Señor e o seu Unxido:
De quen xamais aceptei un regalo ou un par de sandalias?
E ninguén lle puido responder.
20Aínda despois do seu pasamento fixéronlle consultas
e predíxolle ao rei o seu futuro,
facendo xurdir da terra a súa voz profética.

c) *Forza e debilidade da monarquía*
**47** 1Despois del xurdiu Natán
para servir a David,
2pois o mesmo que se reserva a graxa do sacrificio
así foi escolleito David entre Israel.
3Xogaba cos leonciños coma con cabuxas
e cos osos coma con años.
4De rapazote matou un xigante
afastando así a infamia do pobo,
xirando coa man a fonda
para destruír o orgullo de Goliat,

**46**, 19 A cita xunta datos de 1 Sam **12**, 3 e 1 Sam **25**, 1 O texto hebreo engade despois do v. 19: "Ata a súa fin foi tido por prudente aos ollos do Señor e de todo vivente".
**46**, 20 Cf 1 Sam **28**, 3-20.
**47**, 1ss A monarquía, inexistente no tempo do autor, era sospeitosa desde o xuízo histórico deuteronomista, pero recibira un tratamento diferente na teoloxía dos autores de Esd e Neh, e en 1 e 2 Cro. Na mesma liña ca estes últimos, Ben Sírah tende a presentar os reis famosos como instrumentos idealizados dun obrar de Deus, sempre supeditados á lei, e actuando no afianzamento do culto como tarefa primordial.
**47**, 1-11 De David cóntanse os feitos curiosos e lendarios (vv. 1-6; cf 1 Sam **17-18**), e a súa organización e participación no culto (vv. 7-11), pasando ás présas polo feito do seu pecado (v. 11) e centrando a sucesión lexítima en Xerusalén.

[5]xa que invocara a Deus Altísimo
que reforzou a súa destra
para que derrubase un experimentado guerreiro
e refixese o vigor do seu pobo;
[6]por iso cantábanlle as rapazas
celebrándoo polos dez mil.
[7]Cinguida a coroa, seguiu loitando
pois someteu todos os inimigos ao seu arredor,
desbaratando os filisteos
que ata o día de hoxe non se refixeron.
[8]Por todos os seus feitos dáballe as grazas
ao Deus Altísimo, proclamando a súa gloria;
amaba de todo corazón o seu facedor
e todos os días lle cantaba himnos.
[9]Dispuxo instrumentos musicais diante do altar
e harmonizou co salterio o canto dos himnos;
[10]deulles gran brillo ás festas
e regulou as solemnidades anuais;
cando loaba o seu santo Nome
antes do amencer facía resoar o santuario.
[11]Deste xeito o Señor perdoou a súa culpa
e exaltou eternamente o seu poderío,
concedeulle a institución monárquica
fundándolle o trono en Xerusalén.
[12]Por mor del sucedeuno
un fillo sabio que viviu en tranquilidade,
[13]Salomón, que reinou en tempos prósperos.
Deus concedeulle paz ao seu arredor
para que erguese unha casa no seu Nome
e fundase un templo perenne.
[14]Que sabio fuches na túa mocidade
rebordando instrución coma un Nilo!
[15]Enchiches o país coa túa intelixencia
cubríndoo coa sublimidade do teu canto.
[16]A túa sona viaxaba ata as apartadas illas
e fuches desexado polo teu reino pacífico.
[17]Cos teus cantos, refráns, enigmas
e ditos agudos deixaches abraiados os pobos,
[18]e déronche un nome glorioso
que aínda se invoca a prol de Israel.
Mais amoreaches ouro coma ferro
e acugulaches prata coma chumbo;
[19]entregaches os teus lombos ás mulleres
e permitiches que dominasen no teu corpo;
[20]botaches unha chata ao teu honor
profanando o teu leito,
atraendo a ira sobre a túa descendencia
e saloucos sobre a túa cama;
[21]dividindo o pobo en dúas estirpes
e soerguendo en Efraím un reino rebelde.
[22]Deus, non obstante, non retirou a súa piedade
nin deixará caer ningunha das súas promesas;
non extingue a prole nin a caste dos seus elixidos

**47**, 12-23 Salomón lémbralle ao autor o "xalom", a prosperidade, que glosa nos vv. 12. 13, pero sobre todo a súa sabedoría (vv. 14-18).

nin aniquila a descendencia dos seus amigos,
senón que lle concedeu a Xacob un resto
e a David unha raiceira da súa caste.
[23]Salomón repousou desilusionado.
Deixou tras si un fillo,
home de gran tolemia e desasisado,
que coa súa política rebelou o pobo.
Entón xurdiu –nin se faga lembranza del–
o que, pecando, fixo pecar a Israel
introducindo o escándalo en Efraím
[24]ata facelo deportar do seu país.
O seu pecado foi enorme
[25]dándose a todos os vezos.

d) *Os profetas taumaturgos*

**48** [1]Ata xurdir un profeta semellante ao lume,
con verbas que foron coma un forno aceso.
[2]Este quitoulles o sustento do pan
e no seu celo decimounos;
[3]coa palabra de Deus pechou os ceos
e fixo descender lume por tres veces.
[4]Que terrible fuches, Elías!
Gloria a quen te semelle!
[5]Ti soerguiches da morte un cadáver
tirándoo do xeol co favor do Señor;
[6]reis fixeches baixar para a cova
e principais desde os seus leitos.
[7]Ti escoitaches no Sinaí as reprensións
e no Horeb os xuízos de vinganza;
[8]ti unxiches reis que levasen a cabo o desquite
e deixaches no teu posto un profeta que te sucedese;
[9]ti fuches arrincado no alto por un trebón
entre escuadróns de lume, ata o ceo;
[10]ti estás reservado segundo a Escritura para o instante xusto
de proclamar a carraxe antes de que chegue o día do Señor,
para reconciliar os pais cos fillos
e restaurar as tribos de Israel.
[11]Feliz quen te poida ver antes de morrer!
Con todo, máis feliz aínda ti, que vives.

[12]Cando Elías desapareceu no trebón
quedou Eliseo, cheo do seu espírito;
este multiplicou por dous os signos
e todo canto saíu da súa boca foi prodixioso.
De vivo non cedeu ante ninguén
nin houbo quen dominase no seu espírito.
[13]Nada lle foi imposible
e mesmo se reanimaban os corpos debaixo del;
[14]mentres viviu fixo milagres
e de morto, cousas sorprendentes,

**47**, 23-25 Roboam e Ieroboam (cf 1 Re **12-16**) son presentados coma "tolos" e "sen siso" (v. 23), afeitos a toda clase de maldades (v. 25), consecuencia dun comportamento sen "musar", sen disciplina.
**48**, 1-16 Elías (vv. 1-11) e Eliseo (vv. 12-16) comparten a función de chamada á conciencia colectiva, pondo por diante o xuízo de Deus. As súas vidas están compostas cos materiais dos ciclos correspondentes nos libros dos Reis (1 Re **17**ss; 2 Re **2**ss), pero a referencia aos dous versos finais do profeta Malaquías (Mal **3**, 23-24), nos que Elías vén ser considerado como unha figura do tempo escatolóxico, avisador do próximo xuízo de Deus (v. 10) sitúannos na época do autor (cf a mesma tradición en Mt **17**, 11-12).

15e así e todo o pobo non se converteu nin cesou de pecar
ata que foron arrincados do país e espallados por toda a terra.
Pouco quedou de Xudá cun príncipe da casa de David.
16Algúns deles actuaron rectamente,
mais outros fixeron maldades insospeitadas.

e) *Reformadores e profetas*
17Ezequías fortificou a súa cidade
levando as augas ao seu interior;
furou co bronce as rochas
e fixo represas entre os montes para construír encoros.
18No seu tempo xurdiu Senaquerib
que enviou o seu Rab-Saqué
para que tendese o brazo contra Sión
blasfemando de Deus na súa fachenda.
19Daquela cederon na soberbia dos seus corazóns
ao se retorceren coma muller en parto
20e invocaron o Deus Altísimo tendendo cara a El as mans.
Escoitou o Señor a súa pregaria
e salvounos por medio de Isaías,
21batendo no campamento de Asur
e aniquilándoos coa peste,
22pois Ezequías fixo o ben
manténdose nas vías de David
segundo a recomendación de Isaías, o profeta,
grande e preciso nos seus presaxios;
23polo seu medio o sol recuou prolongándolle ao rei a vida,
24co seu espírito potente viu o futuro
e deulles consolo aos bourados de Sión;
25anunciou as cousas vindeiras ata a fin dos tempos,
e o máis oculto antes de que sucedese.

**49** 1O nome de Ioxías é coma incenso recendente,
ben mesturado, arte de perfumista;
a súa lembranza é doce coma o mel no padal
coma unha cántiga nun banquete,
2pois entristeceuse cos nosos extravíos
e fixo cesar as vas abominacións;
3dedicou a Deus por enteiro o seu corazón
e en tempos de violencia foi piadoso;
4fóra de David, Ezequías e Ioxías, todos prevaricaron;
abandonaron a Lei do Altísimo,
os reis de Xudá, ata o derradeiro,
5que lle cedeu o seu poder a outro
e a súa dignidade a un pobo estranxeiro,
6que lle meteu lume á santa cidade e baleirou as súas rúas,
7conforme a palabra de Xeremías cando o maltrataron,
quen xa desde o ventre foi formado para profeta,

**48**, 17ss Reformadores e profetas (**48**, 17-**49**, 7): A parella rei-profeta, que apareceu con David-Natán, retorna nas dúas sobranceiras figuras dos reis "santos", salvadores e iniciadores de reformas relixiosas.
**48**, 17-25 En 2 Re **18-20** e Is **36-39** recóllense os feitos a que se alude nestes versos, entre eles a construción da canle (v 17c.d) confirmada pola arqueoloxía contemporánea.
**48**, 17 O xogo etimolóxico *fortificou* (Ezequías = "Iavé fortifica") é típico da ciencia escriturística dos sabios.
**48**, 20 Cf v. 17.
**48**, 24-25 A idea dunha profecía dos tempos finais testemuña o tipo de lectura que se comezaba a facer dos textos de Is **40-66**, así como do profeta Ezequiel.
**49**, 1-7 Ioxías (2 Re **22-23**), o rei piadoso e firme na fe, é considerado (v. 2) como unha especie de servo sufrinte á maneira do Deuteroisaías (cf Is **53**). Con el péchase o número dos reis imitables (v. 4), e deste xeito remata unha enumeración que cita a Xer na súa función de profeta da desfeita e restauración (v. 7).

para demoler, arrincar e derrubar,
mais tamén para destruír, plantar e restaurar.

f) *Outras figuras*
8Ezequiel tivo unha aparición
e describiu a fasquía do carro;
9tamén fixo lembranza de Xob
que foi consumado nas xeiras da xustiza.

10Dígase o mesmo dos doce profetas
reflorézanlles os ósos na cova!
Eles sandaron a Xacob e salvárono coa súa rexa esperanza.

11Que grande foi Zerubabel!
Foi coma selo na man dereita.
12Outro tanto Iexúa, fillo de Iosédec;
no seu tempo reconstruíuse o altar
e reedificouse o santo templo
destinado a unha gloria perdurable.

13Nehemías, como brilla a súa lembranza!
El soergueu as nosas ruínas,
reparou as fendas dos nosos muros,
repuxo portas e ferrollos.

14Poucos houbo na terra coa feitura de Henoc!
Tamén el foi arrebatado en persoa.

15Non naceu ningún semellante a Xosé;
mesmo o seu corpo foi gardado con veneración;
primoxénito entre os irmáns, honra do seu pobo.

16Xem, Xet e máis Enox foron enxalzados,
mais a sona de Adán sobrepuxo a de todo vivente.

**Simeón**

**50** 1Simeón, fillo de Onías o sacerdote, foi grande:
na súa xeración reparouse o templo
e nos seus días reforzouse o santuario;
2tamén no seu tempo se construíu o muro
cos torreóns reforzados coma un pazo real;
3na súa época cavouse o estanque,
unha poza capaz coma o mar.

**49**, 8-16: Outras figuras.
**49**, 8-10 O autor ten o espazo limitado ou ben o tempo; con todo, non quere deixar personaxes de primeira importancia sen percorrer. Dedica, logo, catro versos (vv. 8-10) a recapitular os profetas que lle faltan, cunha mención feble en exceso de Ez, habida conta da súa vertente cúltica. Os doce profetas non son considerados, se non é como testemuñas de esperanza.
**49**, 11-13 Falan dos restauradores.
**49**, 14-16 Heroes antigos, próximos a Deus e pais da raza humana. Recupera de pasada a figura esquecida de Xosé (v. 15; cf Xén **50**, 24), e pecha xenealoxicamente a visión histórica coa lembranza dos inicios dun "adamismo" universal, que reflicte unha vez máis a tendencia humanista do sabio.

**50**, 1ss *Simeón* (1-24): Chegados a este intre na loanza dos devanceiros, Ben Sírah lembra de súpeto os "bos días antigos" que el mesmo viviu. No centro deles érguese a figura nobre e exemplar do sumo sacerdote Simeón II (220-195 a. C.), cheo de piedade e magnificencia na celebración da festa de Expiación (cf Lev **16**). Xusto cando Onías III, fillo do anterior, comeza a sufrir os primeiros abalos de parte da facción pro-helenista que secunda a política de Seleuco IV de Siria e desexa o poder e a riqueza do templo, o autor presenta o modelo do que debe ser un mandatario de Deus, responsable da persistencia da comunidade, xeneroso e culto, firmemente afincado na lei.

[4]Protexeu o seu pobo contra a bandidaxe
e fortificou a capital contra o inimigo.
[5]Que maxestosa a súa aparición na tenda,
ao saír do pavillón!
[6]Era coma o luceiro por entre as nubes,
coma a lúa chea nos días de festa,
[7]coma o sol raiando sobre o pazo real,
coma o arco da vella aparecendo no neboeiro,
[8]coma a flor na póla pola festa da primavera,
coma o lirio á beira das correntes,
coma o abrochar do Líbano polo verán,
[9]coma a lumarada do incenso sobre a ofrenda,
coma vaso de ouro macizo
engastado con pedras preciosas,
[10]coma vizosa oliveira ateigada de olivas,
coma acivro de mestas gallas,
[11]cando vestía a roupa de gala
e poñía as vestimentas magníficas,
cando subía ao glorioso altar
e ornaba o recinto do santuario,
[12]cando recibía da man dos irmáns as porcións,
de pé, a carón do feixe da leña,
arredor del a coroa dos seus fillos,
semellantes aos gromos dos cedros do Líbano,
e cando –coma salgueiros dos regatos– o cinguían
[13]todos os fillos de Aharón na súa gloria,
tendo nas mans as ofrendas do Señor
perante toda a asemblea de Israel.

[14]Ao rematar o servizo do altar
e dispor os sacrificios do Altísimo
[15]tendía a man ao cáliz e libaba o zume da uva
esparexéndoo ao pé do altar
como recendente aroma para o Altísimo;
[16]entón aclamaban os fillos de Aharón, os sacerdotes,
coas súas trompetas metálicas,
resoaban e facían oír un clamor potente
para anunciar a presenza do Altísimo.
[17]Toda a xente por xunto dábase présa
a se botar rostro en terra
prostrándose diante do Altísimo
na face do Santo de Israel,
[18]mentres o coro entoaba,
espallándose o canto pola multitude.
[19]Alegrábase toda a xente do país
pregando diante do Misericordioso
ata que remataba o sacrificio do altar
dándolle o culto debido.
[20]Entón baixaba el, erguía os brazos
sobre toda a asemblea de Israel
coa bendición do Señor nos beizos,
e gloriábase do nome do Señor.
[21]Nese intre volvían eles a se prostrar
para recibir del a bendición.

**50**, 5 Coa palabra *pavillón* traduce o termo "casa do veo", no que se fai recordo do grande veo do Santo dos Santos que sería roubado por Epífanes (cf 1 Mac **1**, 21-24).

**50**, 20-21 O texto da bendición debía de ser o da bendición aharónica, que se atopa en Núm **6**, 22 ss.

**Epílogo**

22Bendicide, logo, o Señor, Deus de Israel,
que fai marabillas na terra,
que engrandece o home desde o seo
e fórmao segundo a súa bondade.
23Que El vos dea a sabedoría do corazón
e haxa paz entre vós.
24Que sosteña o seu favor a Simeón
e lle manteña o pacto de Pinhás;
que non llo retire a el nin aos seus descendentes
mentres dure o ceo.

**Pobos infames**

25Hai dúas nacións que aborrezo
e unha terceira que nin pobo é:
26os habitantes de Seir e Filistea
e o pobo de tolos que mora en Xequem.

**Colofón primeiro**

27Instrución prudente e proverbios rimados
de Iexúa, fillo de Elazar, fillo de Sírah,
difundidos segundo a súa mente os cavilaba
e esparexidos con intelixencia.
28Benia quen neles matine;
quen a eles se aplique farase sabio,
29o que os practique sempre terá éxito
pois o temor do Señor é a vida.

**Apéndice primeiro: Himno de acción de grazas**

**51** 1Quero loarte, meu Deus, meu salvador,
e darche as grazas, Deus de meu pai,
celebrar o teu nome, refuxio da miña vida,
2pois liberaches a miña alma da morte
e preservaches o meu corpo da cova
librando os meus pés do poder do xeol,
librándome da zorregada da lingua
e dos labios que propagan mentiras;
puxécheste ao meu carón contra os meus adversarios.
3Acorréchesme coa túa gran piedade
salvándome da trampa dos que espreitaban tras a rocha
e do poder dos que atentaban contra a miña vida,
e de angustias sen número,
4da estreitura das labaradas que me rodeaban,
do incendio dun lume inextinguible,
5do ventre profundo do océano,
dos labios mal intencionados e argalladores de mentiras,
das frechas dunha lingua falsa.

**50**, 25-26 Fóra de contexto, e posiblemente posto aquí para recuperalo do esquecemento, aparece un dito numérico de polémica nacionalista atacando as nacións que historicamente se opuxeron a Israel: Edom e Filistea nos tempos antigos, hoxe os samaritanos. Como en todos os ditos numéricos, o acento vai no final e revela as tensións existentes entre a capital relixiosa xudía e os "herexes" do norte.

**50**, 27-29 Igual ca noutros libros (cf Ecl **12**, 9-14), ao remate deste, un epígono ou discípulo escribe o título da obra, nome do autor e finalidade do libro. Nova é a dicción "proverbios rimados", e sintomático o resumo de temas que suxire o v. 29b (*O temor do Señor é a vida*) que como tema constante tenta dar co máis nuclear da obra.

**51** Apéndice primeiro. "Himno de acción de grazas" (1-12).

Os apéndices foron anexados ao libro, non sabemos en que data.

**51**, 1-12 Salmo de agradecemento individual inspirado ou composto polo método antolóxico a base de referencias a escritos anteriores. Un deles podería ser o salmo recollido ou adaptado en Xon **2**, 3-11.

[6]Xa estaba eu a morrer e afundido no xeol,
[7]volvíame arredor sen ninguén que me acorrese,
procuraba un apoio e non o había,
[8]cando lembrei a piedade do Señor
e as súas bondades permanentes
de quen salva a cantos a El se acollen
rescatándoos de todo mal.
[9]Lancei o meu berro desde a terra,
pedín axuda desde as portas do inferno;
[10]gritei: "Señor, ti es o meu pai,
es ti o meu heroe salvador,
non me deixes no día da angustia,
no tempo da desfeita e da destrución;
[11]loarei decontino o teu nome,
lembrareite na miña pregaria".

Daquela escoitou o Señor a miña voz
e oíu a miña súplica;
[12]libroume de todo mal,
salvoume no día da angustia;
por iso lle dou grazas e lóoo
bendicindo o nome do Señor.

**Salmo de loanza**

I Loade o Señor porque é bo
porque a súa bondade non ten fin.
II Loade o Deus das gabanzas
porque a súa bondade non ten fin.
III Loade o protector de Israel
porque a súa bondade non ten fin.
IV Loade o creador do universo
porque a súa bondade non ten fin.
V Loade o redentor de Israel
porque a súa bondade non ten fin.
VI Loade o que xunta os dispersos de Israel
porque a súa bondade non ten fin.
VII Loade o construtor da súa cidade e santuario
porque a súa bondade non ten fin.
VIII Loade o que fai anovar a forza da casa de David
porque a súa bondade non ten fin.
IX Loade o que elixe sacerdote de entre os fillos de Sadoc
porque a súa bondade non ten fin.
X Loade o escudo de Abraham
porque a súa bondade non ten fin.
XI Loade a rocha de Isaac
porque a súa bondade non ten fin.
XII Loade o forte de Xacob
porque a súa bondade non ten fin.
XIII Loade o que escolleu a Sión
porque a súa bondade non ten fin.

**51**, 12 Salmo de loanza: O texto hebreo engade estes quince versos xurdidos dunha relectura do Sal **136** aplicada á situación da época. A ausencia na versión grega pódese explicar polo feito da desaparición dos sadoquitas e a substitución destes polos sumos sacerdotes asmoneos para o tempo en que se fixo a transmisión da tradución. A proximidade no estilo e os títulos cos escritos das covas de Qumrân foron xa considerados polos investigadores. Nótese a insistencia na reunión dos emigrantes (v. VI), na reconstrución da cidade santa (v. VII) e no problema sucesorio dos sacerdotes (v. IX). *Rei de reis* no v. XIV é un título novo que aparecerá tamén en Qumrân.

XIV Loade o rei de reis
porque a súa bondade non ten fin.
XV El ergueu a nobreza do seu pobo
para loanza de todos os seus santos,
dos fillos de Israel, o pobo que lle é íntimo.
Aleluia!

**Apéndice segundo: Poema da busca da sabedoría**

13Cando eu era novo, antes de me pór a viaxar
devecín por ela e procureina;
14veume arredor
e eu seguireina ata a fin.
15Coma cando cae a flor ao madurecer os acios,
aledouse nela o meu corazón;
o meu pé seguiu fielmente as súas pegadas:
desde a miña mocidade estudei a sabedoría.
16Tendinlle un pouco o meu oído
e adquirín gran coñecemento;
17o seu xugo foi para min glorioso
e doulle grazas a quen me ensinou.
18Resolvín procurala
e non tiven que me avergoñar cando a atopei.
19abA miña alma apegouse a ela
e xa non a deixei de vista.
20abDeime a seguila
e xa non me afastarei dela endexamais.
19cdA miña man abriu a súa porta,
contemplei a súa intimidade e atopeina pura.
20cdNo meu ánimo desposeina desde o comezo,
e por iso xa non a abandonarei.
21Coma un forno ardían as miñas entrañas ao ollala,
por iso a conseguín como posesión prezada.
22Concedeume o Señor o éxito cos labios,
coa miña lingua heille dar as grazas.

23Achegádevos onda min, ignorantes,
e instaládevos na miña escola.
24Por canto tempo seguiredes baleiros de tantas cousas
e as vosas almas tan sedentas?

25Abro a boca e exhórtovos:
"Adquiride gratis sabedoría,
26sometede o pescozo ao seu xugo
e cargue a vosa alma co seu peso;
fica ela preto dos que a procuran
e quen se aplica atópaa".

27Ollade vós mesmos que, sendo eu ben pouco,
púxenme á súa beira, e atopeina.

**51**, 13ss Apéndice segundo: Exhortación autobiográfica: O autor percorre a súa iniciación na sabedoría (vv. 13-22) co obxecto de estimular aos discípulos no estudo dilixente da lei (vv. 23-30). O motivo da primeira é a metáfora da sabedoría como mestra e amante, que xa coñecemos, e que nesta pasaxe asume xestos de grande intimidade e realismo (vv. 19c-21).
A subsección segunda (vv. 23-30) fai alusión á institución escolar que Ben Sírah rexenta. Por vez primeira na Biblia cítase no v. 23b a "bet midrax", a "casa do estudo" como lugar onde se imparte o ensino, nome que máis tarde habería de empregar a escola rabínica.
**51**, 26 Motivos do xugo e da carga, que puideron influír en Mt **11**, 29-30.

[28]Escoitade o meu ensino por pequeno que sexa
e con el adquiriredes prata e ouro.
[29]Alédase o meu ánimo nos meus alumnos;
non teredes de que vos avergoñar co meu canto.
[30]Facede con xustiza as vosas obras
e Deus daravos o premio ao seu tempo.

Bendito sexa o Señor para sempre,
e loado o seu Nome de xeración en xeración.

Ata aquí, as verbas de Simeón, ben Iexúa, de sobrenome Ben Sírah.

Sabedoría de Simeón, fillo de Iexúa, fillo de Elazar, fillo de Sírah.

O Nome do Señor sexa bendito desde agora e para sempre.

**51**, 30 No texto hebreo, ten un novo colofón composto de bendición, noticias sobre a autoría do libro e unha derradeira euloxía ou invocación final.

# INTRODUCIÓN A ISAÍAS

## A. O PRIMEIRO ISAÍAS

### 1. Cuestión crítica

*O* Libro do profeta Isaías *recolle os escritos dunha escola profética e máis tarde apocalíptica, que tivo a súa actividade entre os anos 740 e 485 a. C. Ao longo destes 255 anos, os discípulos de Isaías, ollando para os acontecementos da época en que viviron, alumáronos coa fe en Iavé e nas súas promesas, e marcaron os propios escritos coa terminoloxía teolóxica herdada do mestre do século VIII.*

*A tradición xudía e tamén a cristiá, atentas á actualización das palabras do profeta, consideraron toda a obra como froito de Isaías. Soamente no século XII (con Ibn Ezra como pioneiro), e sobre todo desde o século XVIII, ao darlle importancia á interpretación histórica dos escritos proféticos, se chega a cuestionar a paternidade isaiana de todo o escrito, especialmente por aludir a diferentes períodos da historia.*

*Na actualidade, distínguense tres grandes bloques de escritos, que responden a distintos períodos da historia de Xudá:*

*a) cc.* ***1-39****, que teñen por autor a Isaías, o profeta do século VIII (aínda que algunhas unidades literarias sexan posteriores). Esta primeira parte titúlase* O Protoisaías*, ou* I Isaías*;*

*b) cc.* ***40-55****. O autor viviu en Babilonia, no último período da catividade. Chámaselle* Deuteroisaías *ou* II Isaías*;*

*c) cc.* ***56-66****. Os autores deste terceiro bloque, chamado* Tritoisaías *ou* III Isaías*, viviron en Xerusalén á volta do exilio, entre os anos 539 e 520, antes da reconstrución do templo.*

*Por estas razóns de crítica histórica, presentamos os bloques separadamente, como libros distintos, aínda que pertenzan á mesma escola profética.*

### 2. O profeta e a súa escola

*O nome hebreo "Iexaiah" significa "Iavé salva". O seu apelido (cf* ***1****, 1) é "ben Amós" (="fillo de Amós"). Seu pai que non tiña nada que ver co profeta Amós, debeu ser mestre da escola sapiencial da corte de Xudá, a xulgar pola liberdade inusitada coa que se dirixe o profeta ao rei Acaz (cf* ***7****, 3-17), e tendo en conta tamén os moitos xogos de palabras que emprega o profeta, e que atopan a mellor explicación na familiaridade coas técnicas literarias dos sabios.*

*A muller do profeta foi tamén profetisa (****8****,3), membro desta escola profético-sapiencial. Probablemente tamén pertenceran a esta escola profética os seus fillos, que, coma os do seu contemporáneo do reino de Israel, Oseas (****1****, 3-9), levaron nomes simbólico-proféticos (Is* ***7****, 3;* ***8****, 3).*

*O profeta debeu nacer no ano 760, e recibiría a vocación profética á idade de 20 anos (cf* ***6****, 1-13). A súa cidade era Xerusalén, a xulgar polos principios fundamentais do seu credo, que son as tradicións teolóxicas da cidade de David.*

*No tocante á data da súa morte, non se sabe de certo cando foi, aínda que debeu acontecer nos comezos do século VII. Algúns escritores cristiáns (Xustino, Tertuliano, Xerome; cf Heb* ***11****, 37) e outros xudeus, falan do seu martirio durante o reinado de Menaxés, morrendo serrado; pero esta tradición é pouco consistente desde o punto de vista histórico.*

*O temperamento do profeta aparece nos seus escritos como desapaixonado e pouco emotivo. Impresiona nel a coidada elaboración das imaxes e os xogos verbais, pero non a paixón profética.*

*O profeta fixo escola, pero non conservamos escritos do tempo de Menaxés (687-643), cando os sucesores de Isaías deberon de ser apartados da corte. Outro tanto podemos dicir do reinado de Amón (642-640). Nos tempos de Ioxías, consúltase a Hulda sobre o libro da Lei que acaba de aparecer. A devandita profetisa debía ser xefa da escola isaiana. Outros membros da escola do profeta colaboraron na reforma de Ioxías e na reelaboración dos escritos deuteronómicos.*

*Na primeira deportación a Babilonia (ano 598), deberon ser levados algúns membros da escola polo carácter de membros cultos e conselleiros rexios, que elaboran os textos de* ***13****, 2-22 e os cc.* ***16-25****. Máis tarde no período final do exilio, escribirá o II Isaías; e, nos primeiros anos que seguen á volta do desterro, o III Isaías (entre o 538 e o 520).*

*Mais a actividade literaria isaiana continuará nas orixes da apocalíptica, na "pequena apocalipse" (Is **34-35**), teoloxizando a caída de Edom como castigo das nacións inimigas en favor do pobo de Deus (anos 510-500); e a "grande apocalipse" (Is **24-27**), que trata do fracaso da rebelión de Babilonia ao final do reinado de Darío I (ano 485).*

### 3. Isaías, testemuña de Deus na historia do seu tempo

Durante o reinado de Iotam (740-735)

*No ano da entronización deste rei, comeza a actividade profética de Isaías. Iotam fai unha política favorable a Asiria, que promove o optimismo e a prosperidade material. Dáse entón un culto espléndido, que satisfai as inquedanzas relixiosas, pero que non é expresión do fiel cumprimento da vontade divina (**1**, 10-20). O profeta rexeita este tipo de culto, co que se queren tapar as inxustizas que se fan cos máis necesitados, e chama á conversión, como único vieiro que pode levar a un progreso que dure. Daquela, proclama un xuízo de castigo (**1**, 21-26) e os "Ais" (**5**, 8-25; **10**, 1-4). Nestas acusacións contra as inxustizas non faltan as críticas e ameazas contra as mulleres amantes do luxo e do pracer (**3**, 16-**4**, 1), contra todos os que se deixan levar da soberbia (**2**, 6-22), e contra os que, baseándose no que teñen e no que poden facer pola súa conta, consideran a Deus como algo inútil e inoperante (**2**, 8-22). Toda esta crítica profética sintetízase na cántiga do amigo (= profeta), do esposo (= Deus), o cantar da viña (= esposa = pobo), que, non obstante todos os coidados con ela, non dá froito (**5**, 1ss).*

*Nos últimos días de Iotam, nunha época de frialdade nas relacións con Asiria, estase a preparar a coalición de Siria e Efraím contra Xudá. O profeta presenta aquela difícil situación coma un castigo divino polos pecados do pobo (**3**, 1-15).*

Durante o reinado de Acaz (735-716)

*A coalición siro-efraimita intenta poñer en Xudá un descendente davídico favorable a tal coalición, de xeito que chegasen a liberarse dos impostos que viñan pagando a Asiria desde o ano 738 (cf 2 Re **15**, 19). O profeta segue interpretando a situación como un castigo divino polo mal comportamento (**10**, 28-34), ao mesmo tempo que dá ánimo e esperanza (**7**, 1-9), baseándose na elección de Xudá e de Xerusalén; unha esperanza que nace da fe en Deus (**7**, 9; **8**, 5-8). Non obstante o pecado idolátrico do rei, que ofrece en sacrificio o seu primoxénito (2 Re **16**, 3), e o seu desprezo dos oráculos proféticos, recibe a promesa de que o fillo da súa favorita será sinal de liberación (Is **7**, 10-17; **8**, 23-**9**, 6), mentres que para os atacantes ten o profeta oráculos de castigo (**7**, 18-25; **8**, 5-10. 11-15), dos que o nome simbólico dun dos seus fillos é sinal e proclamación (**8**, 1-14). O profeta ve na coalición de Samaria e Damasco a fin do esplendor militar deses dous reinos (**17**, 1-3), como correctivo de Deus pola falta de fe de Israel e polos seus pecados de idolatría (**17**, 4-14).*

*O profeta, que nos dá conta das campañas de Teglatpeléser III contra Moab e Dedán (**16**, 1-5; cf **15**, 1-**16**, 14; **21**, 13-17), canta con dor a caída de Samaria nas mans de Sargón (ano 721), (**28**, 1-4; cf **10**, 5-19, texto posterior ao ano 717). A caída de Samaria vén interpretada como un castigo purificador, pois un resto volverá ao seu Deus (**10**, 20-23).*

Durante o reinado de Ezequías (716-687)

*Á morte de Acaz, os habitantes da Filistea son optimistas respecto dunha coalición con Xudá contra Asiria. Non obstante, o profeta ve moi mal a situación de Filistea, e proclama en troques a seguridade de Xudá (**14**, 28-33).*

*No ano 715, Sargón II conquista Axdod, e invade algunhas cidades do Baixo Exipto, que xa foran castigadas pola guerra civil do ano anterior. O profeta xa o anunciara, co único xesto simbólico-profético dos seus escritos (**20**, 1-6).*

*No ano 705 morre Sargón II, e o profeta ve nese feito o castigo da soberbia humana (**14**, 4b-23). Daquela, o faraón Xabaká pretende formar con Xudá unha liga antiasiria, á que se opón o profeta no nome do Señor (**18**, 1-7). Algo despois desta data debeu acontecer a enfermidade e curación de Ezequías (Is **38** = 2 Re **20**, 1-11); e nos anos 703/2 tivo lugar a visita do embaixador babilonio (Is **39** = 2 Re **20**, 12-19). Desta época tamén debe ser a condenación da soberbia individual do mordomo real Xebná (**22**, 15-25). A devandita embaixada exipcia contra os oráculos do profeta tivo resultados positivos, e de feito Ezequías comezou a reconquista de parte da provincia samaritana, cousa que o profeta mirou con bos ollos (**28**, 5-6), a pesar de non ser favorable ás alianzas, polo que estas levan consigo de burla respecto do Deus de Alianza (**28**, 14-22).*

*O profeta anuncia a invasión de Xudá polos asirios, o que acontecerá no ano 702/1 (**29**, 1-12). Unha vez sucedido o feito, dáse un cambio na actitude do profeta, ante o comportamento soberbio de Senaquerib (Is **36-37** = 2 Re **18**, 17-**19**, 17). O profeta promete a liberación, con tal que o pobo deixe a idolatría e confíe plenamente no Señor (**30**, 18-26; cf **31**, 1-3. 4-9). Esta actitude de conversión tivo que realizarse e mostrarse nunha liturxia penitencial (**32**, 9-20), á que debeu responder o profeta co canto teofánico de Iavé á fronte do seu exército na guerra santa contra as nacións (= Asiria) (**30**, 27-33). Mais o pobo, ao levantarse o asedio, non escoita xa ao profeta, senón que rompe en aclamacións de festa, esquecendo as esixencias de Deus, e facéndose acredor a un novo castigo (**22**, 1-14).*

*Despois do asedio de Xerusalén fai o profeta unha revisión, na que se recordan os beneficios de Deus, a infidelidade do pobo, os castigos medicinais de Deus e a nova rebeldía do pobo, que provoca da man de Deus tal desastre. Non obstante, a perspectiva final é salvífica para un resto que cre na presenza protectora de Iavé (**1**, 2-9. 27-28). Nesta perspectiva, recolle o profeta o tema mesiánico do Emmanuel, desprendido da circunstancia do nacemento de Ezequías. Un tanto desilusionado pola actitude deste rei, proxecta a un futuro indeterminado a figura teolóxica do Emmanuel, como sinal de esperanza (**11**, 1-9. 10-16) para un futuro salvífico (**12**, 1-5; **14**, 1-14).*

## 4. Os continuadores de Isaías en Is 1-39

*Prescindimos do II e III Isaías, que merecen un tratamento a parte, e tamén dos pequenos engadidos que os actualizan.*

*a) Os redactores do suplemento histórico de Is **36-39**, no que traballaron tamén os deuteronomistas (de aí a incorporación a 2 Re **18**, 17-**20**, 19). A finalidade da sección foi subliñar o dinamismo da palabra profética como desencadeante dun cambio na situación histórica.*

*b) O autor do oráculo contra Babilonia (Is **13**, 2-22), un membro da escola isaiana, nos comezos do desterro, consideraba que a dinastía davídica non se podía restablecer máis que coa caída de Babilonia e a liberación do rei cativo Ioaquín. Probablemente este é un dos "profetas soñadores" aos que alude Xeremías (cf **29**, 8). Xa que a historia non lle deu a razón a este grupo profético, as súas obras desapareceron da tradición escrita, quedando soamente este texto, pola súa coincidencia cos principios isaianos da elección de Xerusalén e da dinastía davídica.*

*c) O texto de **19**, 16-25 provén doutra man, e dátase no século VI, antes do II Is (cf nota aos devanditos vv). Aínda que presenta temas comúns ao II Is, como o universalismo salvífico de Iavé e a calzada sagrada desde Exipto a Babilonia (lit. "Asiria", como tipificación da cidade opresora), non é atribuíble ao II Is, polas referencias que fai ao Exipto. Quizais sexa obra dun membro da escola que reside na colonia xudía de Elefantina. A perspectiva salvífica é moi parecida á do II Is, pero xorde máis dunha reflexión teolóxica ca da inminencia do avance persa.*

*d) Is **21**, 1-10. 11-12 pertence ao II Is. A súa colocación no libro débese ao carácter de oráculo contra Babilonia (como nación prototipo de traidora e saqueadora). Xúntase así o devandito texto con outros oráculos contra as nacións.*

*e) A "pequena Apocalipse" (Is **34-35**) é posterior aos textos xa tratados. A única referencia histórica que contén é a caída de Edom en mans das tribos nabateas do deserto arábigo. Aínda que os datos históricos aluden ao ano 310, o asentamento nabateo en Edom, e o desprazamento dos edomitas ao sur de Xudá, deberon comezar polo ano 510 (cf Introdución a Abdías). O devandito feito move ao autor a compoñer a apocalipse, que trata do castigo das nacións pagás hostís a Xudá, e da glorificación de Xerusalén co poder de Deus, motivo este polo que entronca na escola isaiana.*

*f) A sección máis serodia é a "grande apocalipse" (Is **24-27**), sección datable no ano 485, cando o rei Xerxes máis ben ca Darío somete de novo Babilonia, que se sublevara contra os persas. As preocupacións teolóxicas da escola están de forma moi clara nos temas da tradición xerosolimitana: a elección de Xerusalén por Iavé, e a glorificación do pobo por obra de Deus, que vence os seus inimigos.*

## 5. Principais temas teolóxicos do I Is

a. Títulos de Deus

*O título divino máis característico de Isaías é "O Santo de Israel" (**1**, 4; **5**, 19. 24; **10**, 17. 20...). Toda a terra está chea da gloria de Iavé, o que é tres veces Santo (**6**, 3).*

*O devandito título aparece en contextos de castigo (**10**, 7), en contextos de expresión de confianza en Deus (**10**, 20; **17**, 7), e tamén en cánticos de acción de grazas (**12**, 6; **29**, 19).*

*Variantes deste título, son "Os Santos de Xacob" e "O Deus Santo".*

*Outros títulos empregados no libro, son: "O Forte de Israel" (**1**, 24), que aparece nun contexto de castigo contra Xerusalén; "O Deus Forte" (**10**, 21), nun contexto de conversión do "resto de Israel" ao Deus poderoso; e "O Rei" (**6**, 5; **30**, 33), que expresa a protección divina en favor do seu pobo..*

*Variantes destes títulos, son: "O Rexedor", "O Lexislador" e "O Único Sabio".*

*"A Luz de Israel" quere expresar a realidade salvífica de Deus, en contraste coa súa función purificadora e de castigo medicinal (**10**, 17). Ese mesmo contraste aparece nos títulos "Deus da túa salvación", "Penedo do teu refuxio", "Penedo de Israel" e "Deus da xustiza", alusivos á benquerenza de Deus polo pobo.*

*A salvación divina ten a súa raíz na creación. Por iso emprega o profeta o título de "O Creador" (**17**, 7; **29**, 16), para significar a produción da vida da humanidade e de cada persoa. Esta mesma concepción expresa o título "O Maxestoso" (**33**, 21).*

*Dous dos títulos divinos empregados no libro resultan sorprendentes. Son "O que dá a chuvia" (**30**, 20) e "O Conspirador" (**8**, 13-14). O primeiro é un título de Baal, aplicado a Iavé. O segundo quere expresar a realidade do Deus que castiga a falta de fe e de confianza nel, que é a rocha onde pode apoiarse o ser humano.*

b. A fe

*É a única resposta válida a Deus, de xeito que non subsiste o que non cre, mentres que o modo de facerse é o apoiarse na forza que Deus ofrece (cf **7**, 9). Poñer a confianza nos pactos con Asiria e Exipto é menosprezar a Deus, o único capaz de solucionar os problemas do pobo. Quen ten fe deixa de ter escuridade e angustia, pois ten a luz de Deus, e a súa esperanza está firme no "Deus forte". A firmeza da propia fe será unha cualidade típica do "Resto de Israel" (**10**, 20).*

c. O culto

*A actitude do profeta ante o culto é negativa, debido a que o culto de entón non vai de acordo co ben que o home debía practicar. O profeta critica o rico e abundante culto da época de Iotam, cando as moitas festas e espléndidos banquetes cúlticos pretenden ser a expresión da fidelidade do pobo a Deus (cf **9**, 11-19).*

*Noutra época ben distinta (707-705) critica o seguimento dos consellos dos falsos sabios e as alianzas que fan con Exipto, cando deberían máis ben ter posta a súa confianza en Iavé.*

d. A creación

*Deus é o creador do pobo (cf **17**, 7), coma un oleiro que modela o cántaro (cf **25**, 16) ou un labrego que planta unha viña (cf **5**, 1ss). É El quen ofrece bens ao seu pobo (cf **1**, 2. 21), o mesmo que lle dá o templo (**2**, 2) e que está sempre atento a favorecer a xente (cf **4**, 5).*

e. Elección divina de Sión e Xerusalén

*Este tema é central nos escritos de Isaías. O pobo de Xerusalén é "a filla de Sión" (**1**, 8; **3**, 16-17), que goza da presenza de Deus. Por iso, aínda que Deus castigue o pobo, quedará sempre un "resto" (**1**, 9), de xeito que as perspectivas de futuro son sempre positivas e salvíficas. Así, aínda que a cidade sexa desleal, volverá a chamarse cidade fiel, cidade de xustiza (cf **1**, 21. 26).*

f. Mesianismo davídico

*A coalición siro-efraimita fracasará, pola presenza do Emmanuel (**8**, 10), na persoa de Ezequías. Máis tarde, cando o rei non segue as orientacións do profeta, este anuncia un novo rei, un rei ideal, xusto e xeneroso (**32**, 1-8), no que acougará o espírito de Iavé, e que fará volver os desterrados (**11**, 10-16) e acollerá aos que busquen alí refuxio (**16**, 4-5).*

g. As actitudes pecaminosas do pobo

*A raíz dos pecados do pobo é a falta de convencemento no poder do Señor (**1**, 3) e mais o afán de dominar a Deus mediante a actitude máxica dun culto non comprometido (7, 13). Unese a isto a procura dunha sabedoría humana cunha actitude soberbia (**2**, 2-17; **3**, 16; **17**, 4...), que provoca a ira de Deus (**10**, 12-15; **14**, 11; **16**, 6ss).*

h. O perdón do pecado e o "resto santo"

*O poder do Señor vai dirixido ao perdón e á transformación interior do pobo, erradicando del o pecado (cf **1**, 18), ata chegar a unha situación de verdadeira xustiza (**1**, 1. 26).*

*O resto fiel, herdeiro das promesas divinas, será un "resto santo" (**4**, 3), unha semente santa, pois hase de afianzar no Santo de Israel, volvendo a El (**12**, 20-23). Este resto, que sae de Xerusalén (**37**, 3), participará nos bens dos tempos felices (7, 22; **17**, 15).*

# B. O SEGUNDO ISAÍAS

## 1. A época do II Isaías

*A dinastía babilónica dos caldeos chega ao remate coa revolta de Nabónid, fillo dunha sacerdotisa do deus lunar Xin (o ano 555). O novo rei suplanta a Marduk (o deus tradicional dos caldeos), e constitúe como deus nacional de Babilonia a Xin.*

*Nabónid emprende o sometemento de distintas tribos da Arabia e deixa nas mans do seu fillo Baltasar (mencionado en Dn **5**, 1-**6**, 1) durante dez anos o goberno de Babilonia.*

*Mentres tanto, o persa Ciro, desde o ano 549, vai vencendo a medos, xonios e eolios, conquistando o ano 539 o imperio babilonio.*

*Sen menosprezar a inspiración profética do II Is, as esperanzas salvíficas que tiña eran comprensibles polo descontento que había en Babilonia ao depoñer a Marduk, pola distancia de Nabónid, e polos avances militares de Ciro. Estas esperanzas salvíficas eran compartidas polos outros pobos sometidos a Babilonia.*

*A data precisa da actuación do II Is non é fácil de determinar. O máis probable é que abranguese desde o ano 549 ao 539, polo menos.*

## 2. Principais temas teolóxicos

a. Títulos divinos

*O II Is continúa a teoloxía do I Is, expresándoa na acumulación de diversos grupos de títulos divinos.*

*"O Santo de Israel" (**43**, 1. 14; **45**, 11...), coa variante de "O voso Santo" (**43**, 15).*

*Os títulos máis característicos do II Is van na liña salvífica. Así, "O Redentor" (**43**, 1.14; **44**, 6. 22; **47**, 4), "O Salvador (**43**, 3; **45**, 15. 21), "O Rei" (**43**, 5; **44**, 6).*

*Con todo, o atributo máis subliñado polo II Is é o de "Deus Creador", ao concibir a restauración do pobo como unha creación. Para chamar o pobo á fe no poder restaurador de Iavé, recórdalle o profeta que Deus creou os extremos do mundo (**40**, 28), que convoca á existencia as xeracións desde o comezo (**41**, 9), que estende o ceo e asenta a terra (**44**, 24; **51**, 13), que fixo habitable a terra (**45**, 18), e que é Deus de toda ela (**54**, 5).*

*A creación non se considera como un feito exclusivo das orixes, senón como algo que abrangue toda a historia. Por iso, o II Is chámalle a Deus "O primeiro e o derradeiro" (**44**, 6; **48**, 12), e "O Deus da eternidade" (**40**, 28), subliñando a unicidade divina fronte aos ídolos, que non teñen consistencia ningunha (**44**, 6. 8). Esta concepción exprésase tamén co título de "O Deus escondido", que non se esquece do seu pobo (**49**, 14-15), senón que o acompaña sempre (**46**, 3-4) con amor compasivo e fiel (**54**, 10).*

b. A salvación

*É obra de Deus, que axuda eficazmente ao pobo (**41**, 13-14; **43**, 5). Trátase dunha salvación eterna (**44**, 17; **51**, 6. 8), simbolizada nas abondosas augas que Deus lle envía (**44**, 2-3), e que son como un anuncio do Espírito do Señor, que revitaliza ao pobo. A salvación que Deus promete arrinca da elección de Israel (cf **41**, 8; **44**, 2), que continúa vixente (cf **40**, 10. 15; **50**, 1-3). O desterro foi un acto purificador de Deus (**48**, 10), semellante á corrección dun pai a un fillo (cf **46**, 4).*

c. A creación

*A concepción que ten o semita da creación é moi distinta á do mundo grecolatino. Para o semita, o supremo valor é a orde, de xeito que a creación, máis que concibila como a produción dunha existencia, entendíase como a realización dun todo harmónico e ordenado.*

*O II Is presenta a salvación escatolóxica coa terminoloxía propia da creación (**41**, 20; **48**, 7. 13), vinculando coa creación cósmica as realidades salvíficas do seu tempo: O Servo de Iavé (**42**, 5), o pobo da salvación (**44**, 2. 14), a misión de Ciro (**45**, 4.6) e a mesma situación salvífica escatolóxica (**45**, 6. 8; **48**, 6. 7).*

d. A palabra do Señor

*O medio do que se vale Deus para a creación é a súa palabra, que ten un dinamismo considerable. A palabra de Deus é firme, eficaz e irrevogable (**40**, 8; **43**, 6. 12; **44**, 26; **45**, 23; **48**, 3).*

*A palabra de Deus, transmitida polo profeta, constitúe aos destinatarios en testemuñas eficaces do Señor (**43**, 12; **44**, 8). Polo contrario, os ídolos non teñen quen testemuñe en favor deles, pois non ven nin saben nada (**44**, 9-20).*

e. O camiño sagrado polo deserto

*O II Is anuncia a salvación escatolóxica como unha repetición das marabillas de Deus ao longo do deserto no Éxodo de Exip-*

*to. Como o camiño do Éxodo ía polo deserto (cf **40**, 30) anúnciase agora outro camiño, feito por Deus (**43**, 16-20) coa colaboración do pobo (**40**, 3-4). Desde o punto de vista teolóxico este camiño vai polas fonduras do abismo (**51**, 10) e resulta beneficioso para os repatriados de Israel e para os outros pobos (**43**, 19-20; **49**, 10; cf Éx **17**, 1-7).*

f. O perdón e a consolación do pobo

*O libro do II Is comeza cunha mensaxe de consolo para o pobo. Esta mensaxe vén de Deus, que redime os exiliados (**25**, 9), e olla, ao mesmo tempo, cara a unha restauración definitiva, semellante á que tiña o home no paraíso (**51**, 2).*

*Este consolo de Israel non é posible sen o perdón divino dos pecados do pobo (cf **40**, 1-2). O pecado, que está presente nos comezos da historia da salvación (**43**, 27) e que prosegue nas rebeldías dos dirixentes, esixe un castigo (**43**, 27b; **44**, 24); pero este castigo xa está cumprido de abondo (**40**, 2).*

*A parte do castigo medicinal, precísase a acción divina que o faga desaparecer (**44**, 22), ata esquecerse del (**43**, 25). Certo que esta purificación do pecado esixe a conversión ao Señor (**44**, 22).*

g. O universalismo salvífico, como iluminación e luz

*A pesar de que a masa do pobo segue cega e xorda (non quere seguir os camiños que Deus lle marca), o Señor faraos camiñar por un vieiro que descoñecen (**42**, 16a), convertendo a escravitude en luz (**42**, 16c). Daquela valorarán a Alianza, que é fonte de vida.*

*A salvación do pobo hebreo volverase luz para os xentís, na medida en que estes comprendan a importancia do cumprimento da Lei de Deus. Deste xeito, o pobo de Deus, pregoando a lei divina como fonte de salvación para os pobos (**55**, 4-5), fará que os xentís recoñezan a Iavé como o único Deus (**54**, 14), poñendo nel a súa esperanza (**51**, 4), e o mesmo Israel será glorificado (**55**, 5).*

h. O Servo de Iavé

*Este título emprégase vinte e dúas veces no II Is. Aplícase ao pobo xudeu, a Ciro, e mais ao misterioso personaxe humillado, que expía os pecados de todos e se converte en luz dos xentís. O denominador común de todos os "Servos de Iavé" é o estar ao servizo do plan salvífico e escatolóxico universal.*

*O pobo é o que máis a miúdo recibe este título (**41**, 8-9; **42**, 19; **43**, 10...). O servo de Iavé, que El elixiu (**41**, 8-9; **44**, 1-2), aínda que é mudo e cego (non comprende o valor e importancia da fidelidade á lei do Señor), é o seu servo, que El non rexeitou (**41**, 9) e por isto verterá sobre el o seu espírito (**44**, 4). Por este vieiro, os servos do Señor herdarán a prosperidade humana e material dos tempos escatolóxicos (**54**, 17).*

*Ciro vén presentado como o pastor escollido por Deus para salvar o pobo e manifestar así o poder divino, fronte á incapacidade dos ídolos.*

*O misterioso personaxe coñecido como "O Servo de Iavé", aparece presentado en catro poemas: **42**, 1-9; **49**, 1-13; **50**, 4-11; **52**, 13-**53**, 12. Non é cego nin mudo coma o pobo (**42**, 19), senón que o Señor o elixiu (**42**, 1) e formou (**49**, 5). O Espírito de Iavé repousa sobre el: por iso o Servo fará volver aos protexidos do Señor (**49**, 6-5), ditará a lei ás nacións (**42**, 2), sendo luz para elas (**49**, 6ss), de xeito que Deus conseguirá gloria por medio del (**49**, 3).*

*O Servo preséntase como desprezado (**49**, 7; **53**, 2-3), abandonado (**52**, 14), ferido (**50**, 6-7) e morto en expiación polos pecados (**53**, 4-8. 10-12); pero conseguirá o éxito final (**49**, 7; **52**, 13. 15; **53**, 12).*

*O misterioso personaxe debeu ser o mesmo profeta, predicador da lei (**50**, 4. 10), que, sen grandes proclamacións públicas (**42**, 2), anima a esperanza de liberación do pobo e proclama a fidelidade á lei (**42**, 3. 7).*

# C. O TERCEIRO ISAÍAS

## 1. Autor e tempo de composición

*Aínda que o ton literario de Is **56-66** non é homoxéneo, as diferenzas explícanse ben polos diversos xéneros literarios empregados, sen ter que acudir á intervención doutros autores na elaboración do escrito.*

*A situación sociopolítica e relixiosa que presenta o texto responde ao ambiente de Xudá á volta do desterro, entre os anos 538 e 485.*

*O autor é un continuador do II Is: a linguaxe que emprega ao longo dos once capítulos, reflicte a esperanza salvífico-escatolóxica do profeta do exilio.*

## 2. A sociedade xudía do postexilio

*As catro deportacións, levadas a cabo entre os anos 592 e 582, provocaron o exilio dos dirixentes do pobo e dos profesionais máis relevantes, permanecendo no país a poboación máis inculta e pobre. Aquel estado de cousas complicouse coa ocupación progresiva do sur de Xudá polos edomitas, ao botalos do seu territorio as tribos árabes nabateas.*

*A falta de dirixentes espirituais, a situación ruinosa do templo, e a chegada do pobo xentil de Edom, provocan en Xudá o estado de miseria espiritual, relixiosa e moral que mostra o III Is. O retorno dos exiliados provoca tamén problemas de tipo social e moral, ao esixiren os seus bens, que pasaran a mans doutros donos.*

*O III Is constata a violencia reinante (**59**, 6; **60**, 18), os crimes (**59**, 3. 7), a opresión do xusto (**57**, 1; **58**, 3; **59**, 4), o egoísmo asoballante (**58**, 3-7), a apostasía relixiosa e moral (**59**, 13; **65**, 2), a idolatría (**63**, 3-10; **65**, 3. 7; **66**, 3. 17), o desprezo do sábado (**56**, 3. 4; **58**, 13-14), e o aproveitarse dos días de xaxún para facer o mal (**58**, 4). Os mesmos dirixentes políticos eran coma vixiantes cegos e cans mudos, cheos de cobiza (**56**, 10-11).*

*Para os que chegaban de Babilonia, ilusionados pola mensaxe do II Is, a situación de Xudá resultoulles unha tremenda decepción (**59**, 9-11).*

## 3. A mensaxe do III Isaías

*Non obstante os problemas materiais e morais do pobo, a mensaxe teolóxica do III Is é unha proclamación da esperanza salvífica (**57**, 15-16; **59**, 17. 21), condicionada ao exercicio da xustiza e da equidade (**58**, 7. 10), pois o xaxún que lle gusta ao Señor é o respecto e a misericordia (**58**, 3-12).*

*A esperanza salvífica que pregoa o III Is abrangue os eunucos, pagáns e estranxeiros (**56**, 4. 6), que colaborarán ao progreso de Xerusalén e enriquecerán o templo (**60**, 5-7. 10. 13), á vez que a gloria do Señor os iluminará (cf **60**, 1-4) e os converterá en testemuñas dela (**66**, 18-21), e participarán tamén no culto e na ofrenda que se faga no templo (**56**, 5. 7). Desenvolverase así unha liña de universalismo, que leva a algúns xentís a exercer o ministerio levítico e mesmo o sacerdocio. Este xeito de proceder perderá vixencia coa reforma de Esdras (Esd **9-10**), aínda que será recollida polo N. T., e, nunha pequena parte, polos esenios de Qumrân.*

*Outro tema que desenvolve o III Is é o do templo, que está aínda sen reconstruír, e que é obxecto das esperanzas do pobo (**56**, 5-7; **57**, 13; **62**, 9; **63**, 18; **65**, 21). Con todo, a preocupación polo templo material non é óbice para que o autor aluda ao templo celeste de Iavé, e á presenza benéfica de Deus no abatido e humillado (**57**, 15).*

# ISAÍAS

**Título**

**1** [1]Visións que Isaías, fillo de Amós, viu acerca de Xudá e de Xerusalén, nos días de Ozías, de Iotam, de Acaz e de Ezequías, reis de Xudá.

**Proceso de revisión da fidelidade de Xudá**

[2]Escoita, ceo! Oe, terra!
Ollade, que fala o Señor:
Engrandecín fillos, si, fixenos grandes,
pero eles rebeláronse contra min.
[3]Coñece o boi ao seu novo dono;
e o burro, o cortello do seu amo:
Israel non me coñece,
o meu pobo non ten xuízo.
[4]Ai, xente pecadenta,
pobo cangado de iniquidade,
semente de pervertedores,
fillos de corrompidos!
Deixaron o Señor,
refugaron o Santo de Israel,
volvéronlle as costas.
[5]Aínda que sempre
se vos estivese castigando,
aumentariades a vosa rebeldía.
Toda a cabeza é unha enfermidade!
Agoniza de todo o corazón!
[6]Desde a planta do pé ata a cabeza
non hai nel nada bo:
feridas, mágoas e golpes sanguentos;
nin os espremeron, nin os vendaron,
nin os aliviaron con unturas.
[7]A vosa capital é unha desolación,
as vosas cidades, brasas acesas.
As vosas terras devóranas
diante de vós os estranxeiros.
Que desolación!,
que destrución a dos estranxeiros!
[8]Velaí queda senlleira a filla de Sión.
Velaí se esconde entre a viña.
Velaí dorme no cabazal.
Velaí a cidade asediada.
[9]Se o Señor Todopoderoso
non quedase connosco,
que resto tan pequeno seriamos!
Seriamos coma Sodoma,
asemellariámonos a Gomorra.

**Rexeitamento do culto concreto e esixencias de Deus**

[10]Acollede as palabras do Señor,
xefes de Sodoma;
prestade atención á lei do noso Deus,
pobo de Gomorra.
[11]Para que preciso eu
os vosos moitos sacrificios? –di o Señor–.
Estou farto dos holocaustos
dos vosos carneiros,
e do sebo dos vosos cebóns:
non me gusta o sangue

**1**, 1 *Visións*: o termo hebreo "hazón" ten aquí sentido colectivo e é característico da época do Exilio e de Xeremías, para significar a comunicación ou a percepción da mensaxe profética. En Is volve aparecer soamente en **29**, 7, para significar a visión nocturna.
O pai de Is non se debe confundir co profeta Amós; en hebreo teñen escritura distinta.
**1**, 2-9 Esta unidade, orixinaria do 701 despois do asedio de Xerusalén, ten a forma dun "rib", ou revisión da fidelidade do pobo á Alianza, na que se recordan os beneficios de Deus e a infidelidade do pobo, os castigos medicinais de Deus e a nova rebeldía do pobo. Esta rebeldía é a causa da desolación de Xudá, a mans de Senaquerib, na data indicada. Con todo, a mensaxe profética non se reduce a interpretar a historia, senón que está aberta á esperanza para o resto que queda, a condición da súa fe na presenza protectora de Deus sobre o pobo.
**1**, 2 *Ceo* e *terra* son as testemuñas da Alianza, que como tales se chaman a revisión. De feito é un merismo, no que as partes extremas indican a totalidade. A imaxe de "Deus pai" é herdanza de Os **11**, 1-4 (cf Is **30**, 1-9). A rebeldía é rebeldía contra un pai.
**1**, 3 O boi e mais o burro que recoñecen ao amo, deron pé a un midrax cristián antigo, que os fai presentes no nacemento de Xesús, acontecido nunha corte de gando (Lc **2**, 7), para significar o pobo fiel que recoñece en Xesús ao seu amo, ao Señor. A este midrax contribuíu o texto de Hab **3**, 2.
**1**, 4 *Volvéronlle as costas* é unha glosa clarificadora do anterior.
**1**, 5-6 O castigo quere ser a forma educativa do pai (v. 2) cos fillos, e é fortísimo, pero os fillos non o entenden como tal castigo medicinal. Nos vv. 7-8 pásase da imaxe á linguaxe directa.
**1**, 7 *Capital*: heb. "ares", que polo contexto de gradación (capital = Xerusalén - cidade - terras) e pola mesma frase, ten que se referir a Xerusalén. As cidades son as da Xefelah (cf Miq **1**, 8-16).
**1**, 10-20 Esta unidade literaria, semellante ás de Amós (cf Am **4**, 4-5; **5**, 21-23), podémola datar no próspero reinado de Iotam (740-735), que alimenta unha relixiosidade de espléndido culto e de inxustizas (v. 13 c). O texto consta dun rexeitamento do culto sen compromiso de fidelidade moral (vv. 11-15); dunha "torah" profética (vv. 16-17), que presenta as esixencias relixiosas de Deus; remata cunha requisitoria xudicial, na que se chama á conversión e se ofrece o perdón (vv. 18-20).
**1**, 11-15 Pasa revista aos diferentes tipos de actos cúlticos de sacrificio, rexeitando o que neles consideran máis sagrado: holocausto, sebo, sangue, presenza de Deus, ofrendas de vexetais e diferentes festas semanais, mensuais, anuais, liturxia de lamentación individual ou colectiva (v. 15), e dá razón do rexeitamento deste culto: a violencia criminal.

dos vosos becerros, carneiros e chibos.
[12]Entrades a contemplar a miña presenza,
pero quen vos pediu
que pisedes o meu sagrado?
[13]Non sigades traendo ofrendas vas:
o seu fume é abominación para min.
Non luxedes a xuntanza
na festa da Lúa Nova e no sábado,
que non soporto
a iniquidade e a opresión.
[14]Aborrezo as vosas Lúas Novas
e as vosas festas:
son na miña presenza unha carga,
xa estou cansado de soportala.
[15]Si, cando alongades as vosas palmas,
tapo os ollos para non vos ver.
Cando, a forza de berros,
aumentades a vosa oración,
non son eu quen vos escoita.
As vosas mans están cheas de sangue.
[16]Lavádevos, purificádevos,
apartade dos meus ollos
a ruindade dos vosos feitos.
Deixade de berrar.
[17]Aprendede a facer o ben,
buscade a xustiza,
encamiñade ao avergonzado,
facédelle xustiza ao orfo,
defendede a viúva.
[18]Agora vide acó, e razoemos xuntos
–di o Señor–:
Aínda que os vosos pecados
fosen coma o granate,
coma a neve branquexarán;
aínda que fosen vermellos
coma o carmesí, coma la se volverán.
[19]Se vos convertedes e facedes caso,
comeredes do mellor da terra.
[20]Pero se non queredes e resistides,
coa espada seredes comidos.
Ollade que fala a boca do Señor.

### Xuízo purificador contra a cidade infiel

[21]Por que se volve prostituta
a cidade que foi fiel?
Estaba chea de xuízo,
a xustiza habitou nela,
mais agora habítana os asasinos.
[22]As túas moedas de prata
volvéronse ferruxe,
augáronse as túas bebidas.
[23]Os teus xefes volvéronse rebeldes.
Os teus compañeiros, un fato de ladróns.
Pola calada aman o suborno,
mira como corren tras os regalos:
ao orfo non lle fan xustiza,
e o preito da viúva non chega onda eles.
[24]É oráculo do Señor Todopoderoso,
o Forte de Israel:
Ai, voume vingar dos meus contrarios,
vou castigar os meus inimigos!
[25]Vou volver a miña man contra ti,
purificarei coma platino a túa escoura,
e quitareiche toda a ganga impura.
[26]Volverei os teus xuíces
coma no principio,
volverei os teus conselleiros coma antes.
Despois de suceder isto,
chamaráseche cidade da xustiza,
chamaráseche cidade fiel.

### Redención de Sión

[27]Sión será redimida con xusto xuízo,
con xustiza o Señor farao vir.
[28]Libertará os transgresores,
e os pecadores alegraranse,
pero os que abandonan ao Señor
perecerán.

**1**, 12 *O sagrado*: son os patios do templo. Entre nós sería o adro.
**1**, 17 *Buscade a xustiza* equivale a axustarse á vontade de Deus expresada nos mandamentos, do mesmo xeito que "facer xustiza ao orfo" é darlle o que lle corresponde. O *avergonzado* ou "amargado" refírese ao home oprimido, ao que a vida lle é difícil por culpa das inxustizas ou maldades con el cometidos.
**1**, 18 O perdón dos pecados compárase a un baño, coma o bautismo cristián e os baños dos esenios no tempo do N. T.
**1**, 19 A conversión e obediencia a Deus e a súa lei (vv. 16-17) é unha garantía de fartura, como consecuencia da alianza; e a rebeldía contra El leva consigo o desastre da derrota a mans dos terribles asirios.
**1**, 21-26 Estes vv. forman unha unidade literaria, marcada pola inclusión expresada coa "cidade fiel". Os vv. 21-23 están compostos na forma literaria dunha lamentación (qinah), na que se describe a corrupción interna de Xerusalén (Samaria); e nos vv. 24-26 preséntase un oráculo salvífico sobre a purificación que o poder de Deus vai realizar no seu pobo para volver a cidade como era antes, a cidade fiel.
**1**, 21 A infidelidade que se comenta nos vv. 21-23 concrétase nas inxustizas sociais, o que supón as circunstancias dos anos 740-736.
**1**, 24 Os *contrarios* e *os inimigos* son os membros do pobo que son infieis ás esixencias de Deus; a purificación dos mesmos pasa por unha fase de castigo medicinal, tal como se exemplifica na imaxe da purificación dos metais.
**1**, 27-28 Trátase dun oráculo salvífico, quizais da época posterior ao asedio de Xerusalén (ano 701), incluído aquí por afinidade do tema coa unidade anterior. Nótese o uso do pasivo divino (*será redimida*, en vez de "Deus redimiraa").
*Farao vir*: texto de interpretación discutida, alude probablemente á volta dos deportados das cidades da Xefelah. A volta lediciosa dos deportados é unha conclusión teolóxica dos principios proféticos do castigo purificador e da elección de Xudá.

**Castigo dos cultos naturalistas**

29 Avergonzarédesvos polas árbores
que tanto queriades,
poñerédesvos rubios polos xardíns
que tanto vos gustan.
30 Abofé que seredes coma o terebinto
ao que lle cae a folla,
e coma xardín que non ten auga.
31 Velaquí, o valente vólvese estopa,
e a súa soldada hase volver muxica:
arderán os dous xuntos
e non haberá quen apague.

**Título**

**2** 1 Palabras que en visión profética recibiu
Isaías, fillo de Amós, acerca de Xudá e
Xerusalén:

**Canto a Sión, morada da lei e da paz para as nacións**

2 Vede: á fin dos días será creado
o monte da casa do Señor.
Vede: será levantado
por enriba dos montes
e máis ca os petoutos,
xuntaranse nel todas as xentes.
3 Irán a el pobos numerosos, que dirán:
"Vide, subamos ao monte do Señor,
á casa do Deus de Xacob ,
para que nos mostre os seus camiños
e camiñemos polos seus vieiros".
Vede: de Sión sairá a Lei,
a Palabra do Señor sairá de Xerusalén.

4 Xulgará os preitos entre as xentes,
decidirá o que é xusto entre os pobos.
Coas espadas forxarán arados;
coas lanzas, podadoras.
Non levantará un pobo
contra outro a espada,
nin aprenderán de novo a facer a guerra.
5 Casa de Xacob, ven: vaiamos
e camiñemos á luz do Señor!

**Himno profético ao día do Señor contra a soberbia**

6 Olla: vou destruír o teu pobo!
Destruirei a casa de Xacob!
Está cheo de adiviños
desde oriente ata os filisteos;
e sóbranlle fillos de estranxeiros.
7 A súa capital está chea de prata e ouro,
non teñen fin os seus tesouros.
A súa cidade está chea de cabalos,
os seus carros non teñen fin.
8 A súa cidade está chea de ídolos,
próstranse diante da feitura das súas mans,
diante do que fixeron os seus dedos.
9 Abaixaranse os homes,
humillaranse os homes, pero non os ergas.
10 Métete entre as pedras,
escóndete entre o po,
lonxe da presenza pavorosa do Señor,
lonxe do esplendor da súa maxestade.

**1**, 29-31 Os terebintos eran árbores sagradas nos cultos cananeos da fecundidade; estes nunca se viron desterrados totalmente durante o período da monarquía; foron favorecidos especialmente durante o reino de Acaz (735-715).
**1**, 31 A imaxe da *estopa*, para cualificar o *valente*, quere expresar a súa inconsistencia e debilidade, ao mesmo tempo que a facilidade para o seu castigo destrutor; a valentía quizais se refira ao poder xenético e prosperidade; e a *soldada* refírese aos donativos feitos aos santuarios dos cultos naturalistas.
**2**, 1 Este título é introdución aos cc. **2-5**, que deberon ter algún tempo unha existencia a parte (por iso entendemos "datar" palabra como colectivo).
**2**, 2-5 Os vv. 2-4 teñen o seu paralelo case exacto en Miq **4**, 1-3, seguido dun v. 4 máis axeitado ao contexto ca o v. 5 de Is. Probablemente os dous textos dependen dun himno a Sión, centro da Lei e do culto a Deus, e cargado de propósitos escatolóxicos sobre o triunfo do Señor no día da súa manifestación.
**2**, 2 Entendemos a raíz "kwn" no sentido de ser, crear (como en ugarítico e noutros lugares do A. T.), pois o paralelo con "será levantado" pasivo divino, esixe este sentido. O monte é creado por Deus na súa nova forma de existencia salvífica; pero aquí a morte significa a lei e a revelación da "torah" pacificadora entre os pobos.
**2**, 6-22 Trátase dun himno profético caracterizado porque canta as obras de Deus nun futuro máis ou menos distante, caracterizado por unhas partes variables, que marcan un proceso xudicial: vv. 6-8: acusación da soberbia idolátrica nas súas presentes manifestacións; 12-16: o día do Señor, contra todo o soberbio e erguido; 18: substitución dos ídolos, feita por Deus; 20: os homes rexeitan os ídolos; 22: prohibición de tratar con profetas extáticos. Estas partes variables van separadas por uns temas que se repiten con lixeiras variantes textuais e que se refiren á humillación e abaixamento do home: 9. 11. 17. O esconderse os homes lonxe da Maxestade divina que se mostra: 11. 19. 21; o enxalzamento do Señor a costa da humillación da soberbia humana: 11b. 17b. 21c. Este himno reflicte a situación histórica dos tempos de Iotam (740-735). Algúns pensan que o profeta o dirixiu a Israel e despois a Xudá en segunda lectura.
**2**, 6-9 Nótese que se poñen na mesma liña teolóxica de denuncia os adiviños, os estranxeiros, a prata, ouro e tesouros, os cabalos e carros e os ídolos coa súa adoración (v. 9). Todos estes elementos están na liña da idolatría, xa que levan consigo o orgullo do home e a súa confianza nestes elementos que impiden a confianza e a fe en Iavé.
**2**, 6 Por razón de paralelismo, *casa de Xacob*, non como vocativo, senón como balanzo paralelístico con *teu pobo*. *Sóbranlle*: outros traducen "chocan as mans" = fan alianza. Preferimos "sóbranlle", por mor do paralelismo.
**2**, 7 *A* súa capital... cidade. O vocábulo heb. "ares", por razóns do contexto, ha de entenderse como "capital", máis ben ca no sentido de "terra".
**2**, 9 O sentido do texto é que os homes se abaixan para prostrarse diante dos ídolos, e ao profeta mándaselle que non os erga, pois sería inútil (**6**, 9-10). Será o Señor quen os erguerá, coa súa manifestación de castigo (vv. 10ss).
**2**, 10 Diríxese o profeta ao pobo fiel, a quen ordena esconderse da teofanía primitiva de Deus.

11 Os ollos orgullosos abaixaranse,
serán dobrados os homes ergueitos,
soamente o Señor
será enxalzado naquel día.
12 Velaquí o día do Señor Todopoderoso:
contra todo o alto e levantado,
contra todo o ergueito e admirable.
13 Contra todos os cedros do Líbano
altos e levantados,
contra todos os carballos de Baxán.
14 Contra todas as altas montañas,
contra todos os petoutos ergueitos.
15 Contra toda torre esgrevia,
contra todo muro inaccesible.
16 Contra todos os barcos de Tárxix,
contra todas as naves esperadas.
17 O Señor dobrará o orgullo do home,
humillará a soberbia dos homes.
Enxalzarase o Señor, El só, naquel día;
18 El ocupará o lugar de todos os ídolos.
19 Entrade nas fendas dos penedos,
nas gretas do xabre e da barreira,
lonxe da cara do Señor,
lonxe do esplendor da súa maxestade,
cando El se levante
para estarrecer a cidade.
20 Aquel día os homes
botarán fóra os ídolos de prata,
e os ídolos que fixeron co seu ouro,
para adoraren toupeiras e morcegos.
21 Entrade nas fendas dos penedos
e nas regañas das pedras,
lonxe da cara terrible do Señor,
lonxe do esplendor da súa maxestade,
cando El se levante para estarrecer a terra.
22 Deixade de tratar entre vós co home
a quen esmagan o nariz:
foi el quen inventou de seu
o culto dos altos.

**Anarquía en Xerusalén:**
**Xuízo da historia**

**3** 1 Si, velaí o Señor, Deus dos Exércitos:
retirará de Xerusalén e de Xudá
bastón e apoio,
todo apoio de comida
e todo apoio de bebida:
2 capitán e soldado,
xuíz e profeta, adiviño e senador;
3 oficial e dignitario;
conselleiro, experto en bruxerías
e coñecedor de feitizos.
4 Poñereilles rapaces por xefes,
gobernaranos uns meniños
caprichosos.
5 A xente atacará unha á outra,
cada un ao seu veciño;
o mesmo rapaz portarase aleivosamente
co ancián venerable, os ruíns cos nobres.
6 Cada un usará a violencia
contra o seu irmán,
contra a propia familia:
"Tes un vestido, pois fai ti de xefe:
colle o mando desta ruína".
7 O día aquel el erguerase para dicir:
"Eu non son albeite
nin teño na miña casa pan nin vestido:
non me poñades de xefe do pobo".
8 Velaí: derrúbase Xerusalén e cae Xudá,
velaí os seus ditos e os seus feitos
contra o Señor,
rebelándose contra a súa presenza
gloriosa.
9 A estrañeza da faciana
testemuña contra eles,
mostran coma Sodoma o seu pecado:
non o encobren.
Ai deles!
Como consuman a súa propia ruína!

**2**, 11 *Os ollos*, manifestación antropolóxica da cobiza; aquí, unha cobiza que leva ao orgullo e á grandeza; pero que será humillada por Deus.
**2**, 12 *O día* de Iavé = do Señor, é un tema importante no I Is, sexa nesta forma, sexa na forma do "día aquel." Aparece 45 veces (cf Am).
**2**, 20 Ante a presenza do invasor, que executa a sentenza de Deus, o pobo esconde os seus ídolos debaixo da terra ou nas paredes, como se fosen toupeiras ou morcegos, para que non axuden ao invasor e para volver adoralos.
**2**, 22 Outros entenden o texto deste xeito: "Desentendédevos do home, pois non é máis ca un sopro no nariz e, que vale?", e consideran o versículo como unha glosa sapiencial. *Esmagan* (heb. "nixmah") alude ás incisións que se facían os profetas delirantes; "bamah" significa os *altos* e o culto naturalista cananeo que neles se facía. Trátase dun texto auténtico, pois cadra ben co contexto de polémica contraria á idolatría.
**3**, 1-15 Dúas unidades literarias (vv. 1-11 e 12-15) moi afíns, sexa pola temática, sexa pola época á que se refiren (ano 735), que constitúen unha verdadeira teoloxía da historia: á morte de Iotam xa se coñecen os preparativos de Israel e Siria para poren en Xudá ao fillo de Tabel como rei interesado na liga antiasiria, que sen dúbida tiña partidarios na mesma Xerusalén (cf vv. 2-3). Morre Iotam no ano 735 e sucédeo o seu fillo Acaz, de 20 anos, co influxo político de súa nai (v. 12) e coa defección dos mandos opostos á política proasiria da corte. Isaías interpreta esta situación caótica como un castigo de Deus polos pecados do pobo (vv. 1. 8-9. 13-14).
**3**, 3 *Senador* (heb. "zaquén": ancián), que practicamente eran conselleiros rexios (cf Dt **25**, 5-10; 1 Re **21**, 8), e que xa viñan da organización tribal do pobo (cf Éx **3**, 16. 18; 2 Sam **5**, 3).
**3**, 3 *Oficial*: lit. xefe de cincuenta.
**3**, 7 *Albeite*: compoñedor, menciñeiro; alude á incapacidade para deter a ruína do reino.
**3**, 8 *A presenza* (lit. os ollos): alusión á presenza de Deus no templo de Xerusalén.
**3**, 9 *A estrañeza da "faciana"*: alusión ás prácticas cananeas de prostitución sagrada especialmente favorecidas polo mozo Acaz (cf 2 Re **16**, 3-4).

10 Ollade, que feliz o xusto!
Como consome o froito dos seus traballos!
11 Ai do malvado! Que desgraciado!
Como actuarán contra el
as obras das súas mans!
12 Meu pobo,
os que o oprimen son xente caprichosa:
gobérnano mulleres.
Meu pobo,
os teus directores
fante andar descarreirado,
enredan a dirección dos teus vieiros.
13 O Señor está de pé para preitear,
está firme para xulgar o seu pobo.
14 O Señor entra en preito cos senadores
e príncipes do seu pobo:
Vós arrasastes a viña:
tedes nas vosas casas
o roubado aos pobres.
15 Que facedes? Esmagades o meu pobo,
e oprimides a face dos pobres?
–Oráculo do Señor, Deus dos Exércitos–.

**Contra o luxo das mulleres**

16 O Señor di:
Xa que se ensoberbecen as fillas de Sión,
e camiñan co pescozo arrichado
e ollos pintados de rubio,
xa que camiñan a pasiños miúdos,
e nos nocellos levan ariños,
17 o Señor halles de apegar a sarna
á súa cabeza,
Iavé halles descubrir a súa fronte.
18 O día aquel o Señor
quitaralles os seus adornos:
ariños para os nocellos,
diademas e medias lúas,
19 pendentes, pulseiras e veos,
20 panos da cabeza, cadeíñas para os pés
e cintos, caixas de talismáns e amuletos,
21 aneis e ariños para o nariz,
22 vestidos de festa, abrigos, estolas e bolsos,
23 vestidos de gasa e vestidos de liño,
turbantes e tocas.
24 En vez de perfume haberá podremia;
en vez de cinto, corda;
en vez de peiteado de trenzas, calva;
en vez de lenzo fino, un cinto de saco.
En vez de fermosura, vergonza.
25 Os teus homes caerán pola espada;
e os teus escolleitos, na guerra.
26 As xuntanzas das súas portas
lamentaranse e farán loito,
e ela sentarase desolada no chan.

**4** 1 O día aquel,
sete mulleres collerán un só home.
Diranlle: "Comeremos o noso pan
e vestiremos o noso manto,
con tal de que poidamos
levar o teu apelido:
quitarnos a nosa deshonra".

**Protección do Señor sobre o resto de Xerusalén**

2 O día aquel o abrocho do Señor
servirá de honra e gloria;
e o froito da terra será o orgullo e honor
dos escapados de Israel.

**3**, 10-11 Moitos autores consideran estes vv. como unha glosa sapiencial, mais non é nada improbable que o seu autor sexa o I Is, formado nos círculos sapienciais da corte, e porque o texto cadra ben co contexto anterior.
**3**, 12 As *mulleres* poden ser a raíña nai e outras mulleres da corte, entre as que debía haber forte ambiente cananeizante, a xulgar pola política relixiosa de Acaz (cf 2 Re **16**, 3-4).
**3**,14 A imaxe da viña para referirse ao pobo aparece en Is **5**, 1ss.
**3**,15 Destáquese o paralelismo entre *o meu pobo* e *os pobres*: o pobo do Señor son os pobres e os humildes, que confían no Señor.
**3**, 16-**4**, 1 Trátase dun oráculo de xuízo de castigo, pois a acusación está introducida por unha fórmula causal no v. 16, e o anuncio do castigo empeza no v. 17. Os vv. 18-23 constitúen unha longa enumeración dos adornos das mulleres de Xerusalén. Algúns autores considéranos obra dun discípulo de I Is, xa que rompen o ritmo poético antitético, pero que historicamente responden mellor á época de Iotam ca a ningunha outra posterior. Nos vv. **3**, 25-**4**, 1 temos unha segunda tipificación da situación de castigo, que supón unha invasión militar desastrosa, coas vergonzosas consecuencias para as refinadas mulleres de Xerusalén.
**3**, 17 No mundo semítico, descubrirlle a unha muller a fronte era deshonrala, xa que soamente lla descubría ao marido.
**3**, 24 *Vergonza*: así le I Q. Is, e pensamos que é a lectura correcta. As traducións grega e latina omitiron a frase por non lle coller o sentido; por isto leron conforme ao texto hebreo masorético.
**3**, 26 *As xuntanzas das súas portas*: lit. "as súas portas". Nas portas da cidade tiñan lugar os xuízos, e parte da liturxia fúnebre do enterramento, que se facía fóra das portas da cidade (cf Lc **7**, 11-17).
**4**, 1 *Levar o teu apelido*: lit. "que o teu nome sexa invocado sobre nós". A falta de homes, por culpa da guerra (cf **3**, 25-26), converterá a estas refinadas mulleres en concubinas ou mulleres de segundo rango, pois a un home corresponderanlle sete (= moitas) mulleres, e así elas comerán o seu pan e vestiranse pola súa conta; o que buscan é librarse da vergonza da esterilidade e da condición de solteiras (cf **32**, 9-14; **54**, 1; Dt **25**, 5-6).
**4**, 2-6 Todo intento de situar esta unidade literaria no postexilio parece incongruente, xa que o v. 4 fai alusión a **3**, 16-**4**, 1. Suposto o xuízo de castigo contra o luxo das mulleres de Xerusalén, quedará un resto que será o herdeiro das promesas de Deus. Trátase, polo tanto, dun oráculo salvífico, que supón a purificación primitiva de Deus (cf v. 4).
*O abrocho*: aquí non ten sentido mesiánico, por estar en paralelismo con "o froito que dará a terra". Significa a colleita que, sen labranza, fai medrar o Señor para os escapados da invasión purificadora do **3**, 25.

3Entón o que quede en Sión
e o resto de Xerusalén chamarase santo.
Si, todo el será inscrito en Xerusalén
no libro da vida.
4Cando o Señor limpe a sucidade
das fillas de Sión,
e cando lave do medio de Xerusalén
o seu sangue,
cun vento de xuízo
e cun vento de desolación.
5Entón o Señor
sobre o templo do monte de Sión
e sobre a súa xuntanza
creará de día unha nube;
e de noite, fume e labarada resplandecente
coma un dosel sobre a Gloria do santuario.
6Unha tenda que será sombra para o día
contra a seca
e refuxio e cuberto
contra o trebón e mais a chuvia.

### Canción á viña do amigo do esposo

**5** 1Voulle cantar ao meu amigo
a canción do meu amor á súa viña:
Tiña o meu amigo unha viña
nunha das fértiles ladeiras.
2Cavou, quitoulle as pedras
e plantouna de cepa selecta;
construíu no medio dela unha torre
e tamén dispuxo un lagar;
esperaba que dese boas uvas,
pero só llas deu agraces.
3E agora, habitantes de Xerusalén
e homes de Xudá,
facede, por favor, de xuíces,
entre min e a miña viña.
4Que máis lle puiden facer á miña viña
que non llo fixera?
Por que, esperando eu que dese boas uvas,
deu tan só agraces?
5Pois agora vouvos dicir
o que lle vou facer á miña viña:
quitarlle o valado
para que sirva de pasteiro,
romperlle a cerca
e que se volva un torreiro.
6Convertereina nun ermo,
non se podará nin cavará;
o cardo e mais a silveira medrarán nela;
aos mesmos trebóns mandareilles
que non chova sobre ela.
7Si, a viña do Señor dos Exércitos
é a casa de Israel;
e os homes de Xudá,
a súa preferida plantación.
Esperaba deles o cumprimento do dereito,
e velaí: sangue vertido;
esperaba deles xustiza,
e velaí: berros de auxilio.

### Maldicións contra os grandes de Xudá

8Ai dos que xuntades
unha casa e outra casa!
Ai dos que achegades un campo
e outro campo de punta a punta,
para vivirdes vós sos no medio do país!
9Nos meus oídos resoa o xuramento
do Señor dos Exércitos:
As moitas casas volveranse unha ruína,
as grandes e boas quedarán
sen dono que as habite!
10Si, cinco xugadas de viña darán tres olas,
vinte e cinco ferrados de semente
darán dous e medio!
11Ai dos madrugadores
que xa de mañanciña
andan á procura do licor,
e dos retrasados ata alta noite,
quentes polo viño!
12A lira e a arpa, o pandeiro e mais a gaita,

**4**, 3 Este resto chamarase santo, porque será de certo consagrado a Deus.
**4**, 5 *Templo*: o termo "makom" ten aquí un sentido de templo, e non soamente de lugar.
*Dosel*: ten aquí (e tamén en Sal **19**, 6; Xl **2**, 16) connotacións esponsalicias, e polo tanto de referencia á Alianza.
**4**, 6 *Tenda*: eran as cabanas que se facían nas viñas, para pórse á sombra nas horas de sol forte e para gardar as uvas.
**5**, 1-7 Este cantar á viña do amigo, aínda que aparentemente é un cantar á viña, na linguaxe simbólica poética é un cantar á esposa (Ct **1**, 6-14; **2**, 15; **8**, 12). O profeta preséntase como o amigo do esposo: Deus-esposo pide contas á esposa (viña-pobo), dos inesperados froitos, cos habitantes de Xudá e Xerusalén como testemuñas. Debe pertencer aos primeiros anos do profetismo de Is (740-735). Puido moi ben ser cantado por Is na Festa das Cabanas, despois da vendima. Deste xeito, a imaxe da viña para significar o pobo ten a súa razón de ser no simbolismo viña-esposa (cf Xén **15**; Os **10**, 1; **27**, 2-5; Xer **2**, 21... Mt **20**, 1; **21**, 33).
*Agraces*: uvas, que, por naceren tarde, non dan maduradas e son acedas.
**5**, 6 *Ermo*: destrución, desolación: cf Xer **19**, 8.
**5**, 8-25 Os "Ais", desde o punto de vista literario, son de moi diversos tipos: nalgúns soamente aparece a acusación (18. 20. 21); e noutros aparece a acusación e o anuncio de castigo (8. 11. 22); a estes seis habería que engadir ao final **10**, 1-4, con acusación e anuncio de castigo, que tivo que pertencer nun comezo a esta serie, formando un setenario. Nótese a semellanza con Am **6**, 1-7. Esta serie de Ais pertence á primeira época (740-735).
**5**, 8-10 Acaparar casas e eidos quebranta o equilibrio da economía tribal, e oponse á teoloxía da propiedade divina dos bens, que ten a súa concreción na celebración da Alianza e na redistribución da terra (cf Introd. ao Dt). Esta teoloxía dos bens pertencía ás antigas tradicións relixiosas dos dous reinos.
**5**, 10 *Tres olas*: lit. "un bat" = 45 litros; *vinte e cinco ferrados*: lit. "un ómer"= 450 l de áridos; *dous e medio*: heb. "un efah"= 45 l.

acompañan o viño das súas bebedeiras,
pero nas obras do Señor non se fixan,
non ollan para o que fan as mans do Señor.
13Por isto o meu pobo vai á catividade,
por falta de siso:
a súa nobreza son homes con fame,
a súa plebe está reseca coa sede.
14Si, o xeol ensancha a súa gorxa
e abre sen medida a súa boca,
a nobreza e mais a plebe
destinadas ao xeol, baixarán a el;
ao xeol baixarán o barullo e a ledicia.
15Así dobregarase o home
e humillarase cada un,
abaixaranse os ollos dos soberbios,
16mentres o Señor dos Exércitos
se enaltecerá co seu xuízo;
o Deus Santo demostrará
a santidade na súa sentenza.
17Aquí pastarán os años coma na seara
e nas ruínas comerán as ovellas cebadas.
18Ai dos que terman da iniquidade
con trelas de ovella,
e do pecado con trelas de xovenca!
19Eles din: "Que se apure:
faga logo a súa obra, para que a vexamos;
que chegue: veña o plan do Santo de Israel
para que o coñezamos".
20Ai dos que lle chaman ao mal ben;
e ao ben, mal;
dos que consideran as tebras luz;
e a luz, tebra;
dos que consideran o amargo, doce;
e o doce, amargo!
21Ai dos que aos seus propios ollos
son sabios;
e desde o seu punto de vista, intelixentes!
22Ai dos valentes para beber viño,
e dos resistentes en mesturar licores,
23dos que declaran ao culpable inocente
por un regalo
e apartan do inocente a sentenza favorable!
24Como as linguas de lume
devoran o restrollo
e a chama destrúe a pallugada,
así a súa raíz volverase podre,
e os seus abrochos voarán coma o coaño,
pois rexeitaron a instrución
do Señor dos Exércitos
e desprezaron a palabra do Santo de Israel.
25Por isto arde a ira do Señor
contra o seu pobo
e estende a súa man para bater nel.
Tremen os montes, e os seus cadáveres
son carnaza no medio das rúas.
Pero con todo isto non acouga a súa ira
e a súa man segue aínda estendida.

**Chamada profética aos asirios**

26Desde lonxe érguelle unha bandeira
a unha nación
e asubíalle desde unha esquina do mundo.
Velaí chega á présa e lixeira.
27Nese pobo non hai ninguén
canso nin esmorecido,
ninguén adormece nin sonea.
Os cintos non se retiran
de ningunha das cinturas dese pobo,
nin se deslean os amallós
das súas sandalias.
Velaquí están coas súas frechas aguzadas
e cos seus arcos tensos!
28As ferraduras dos seus cabalos
son duras coma seixos,
e as ferraxes das súas rodas
semellan unha treboada.
29Ruxidos hai nel coma de leóns,
ruxidos coma de leonciños.
Logo roxe e apreixa a presa,
pona ben segura e non hai quen a salve.
30Aquel día o seu salvador
ruxirá contra el,
sairá de debaixo da terra
coma o bruído do mar.
Será angustiosa a escuridade:
escurecerase a luz coas nubes do inferno.

**5**, 14: *Gorxa*: heb. "néfex": por paralelismo con boca, en o senso, de gorxa. *O xeol* non é soamente un lugar, senón que, coma o Hades da mitoloxía grega, é o Señor do mundo dos mortos. A situación de catividade, fame e sede, é pertencer aos dominios do xeol. Estas situacións provocarán unha certa humildade diante de Deus.
**5**, 17 *Aquí,* refírese á Xerusalén arruinada.
**5**, 18-19: O home está apegado á iniquidade e ó pecado, como a corda coa que leva atrelada unha ovella ou unha xovenca.
O v. 19 preséntanos unha tipificación da iniquidade, que chega a desprezar o poder de acción de Deus no seu día (cf **2**, 12).
**5**, 21 O sabio non se sinte nunca seguro, senón que busca sempre a sabedoría.
**5**, 25 *A man*: puño: cf nota a Ez **22**, 19
**5**, 26-30: Chamada profética ao pobo invasor, para realizar o xuízo de Deus contra a inmoralidade de Xudá e Israel, posiblemente acompañada de acenos coa bandeira (v. 36). Este texto anota as innovacións militares asirias: exército de mercenarios fixos, calzado amalloado ata os xeonllos, carros lixeiros con seis ou oito radios con ferraxes de ferro, cabalos ferrados.
**5**, 30: Este v. vincúlase co anterior co verbo "ruxir", que ten como suxeito a Asiria. *Aquel día* refírese ao día da intervención de Asiria como instrumento do castigo de Deus. *Sairá de debaixo da terra*: deitará como unha fonte: as forzas infernais manarán contra o pobo de Deus, como suxire o v. 31. *Nubes do inferno*: traducimos o sufixo polo nome ao que alude. As tebras do día do Señor serán tebras infernais, aínda que sexan instrumento nas mans de Deus.

# LIBRO DO EMMANUEL

## Relato de teofanía vocacional

**6** [1]O ano da morte do rei Ozías, vin o Señor
sentado nun trono alto e levantado. A orla
do seu manto enchía o santuario. [2]De pé na
súa presenza estaban dous serafíns; cada un
tiña seis ás: con dúas tapaban a cara; coas outras dúas, os pés; e coas outras dúas voaban.
[3]Exclamaban un cara ao outro: "Santo,
Santo, Santo, o Señor dos Exércitos: a terra
toda está chea da súa gloria!". [4]Estremecían
os marcos das portas da entrada co seu clamor, e o santuario estaba cheo de fume.
[5]Eu dixen: "Ai de min! Estou perdido!,
pois sendo un home de labios lixados,
e que vive entre un pobo
de labios lixados,
vin cos meus ollos o mesmo Rei,
o Señor dos Exércitos".
[6]Entón un dos serafíns voou onda min;
tiña na súa man unha brasa que collera de
enriba do altar cunhas tenaces, [7]e achegouna
á miña boca, dicíndome: "Olla: isto tocou os
teus labios; a túa culpa desapareceu, o teu pecado está perdoado".
[8]Entón escoitei a voz do Señor que dicía:
"A quen mandarei? Quen irá da nosa parte?".
Entón díxenlle: "Aquí estou, mándame a
min". [9]Respondeume: "Vai e dille a ese pobo:
Escoitade atentamente,
que non entenderedes;
ollade con todo o xeito,
que non comprenderedes.
[10]Entulla o corazón deste pobo,
endurécelle os oídos,
cégalle coa luz os ollos;
que non vexa cos seus ollos,
nin escoite cos seus oídos,
que o seu corazón non comprenda
e non se arrepinta e o cure".
[11]Entón eu pregunteille: "Ata que día, Señor?".
Respondeume:
"Ata que se volvan desoladas as cidades
por falta de habitantes
e as casas por falta de homes,
e a terra se arruíne e quede despoboada.
[12]Desterrará o Señor ao home
e os ermos aumentarán no medio do país.
[13]E se aínda queda nel a décima parte,
volverá ser leña para o lume.
O mesmo que ao cortar a aciñeira
e o carballo se lles deixa o coto,
así o coto do pobo será semente santa".

## Para Acaz: mensaxe de esperanza e denuncia da incredulidade

**7** [1]No tempo do rei de Xudá, Acaz, fillo de
Iotán, fillo de Ozías, subiron a Xerusalén
Resín, rei de Siria e Pécah, fillo de Remalías,
rei de Israel, atacárona, pero non foron capaces de a conquistar.
[2]Daquela chegou a noticia á descendencia de David nestes termos: "Os sirios están
acampados en Efraím"; estremeceuse o seu

**6**, 1: *Santuario* (heb. Hekal), que estaba preto do Santo dos Santos (heb. Debir).
**6**, 2: *Os serafíns* (etimoloxicamente "ardentes"). Cómpre poñelos en relación cos "querubíns", os misteriosos seres que tiran do carro de Deus en Ez **1** (cf Ez **10**). Os serafíns son seis. *Os pés*: eufemismo.
**6**, 3 *Señor dos Exércitos* (heb. Iavé Seba'ot) significa o Deus de Israel e Señor das constelacións de astros, que equivale ao Deus da vida. Este último senso é o que ten aquí o nome divino, pois a gloria é a presenza dinámica de Deus.
**6**, 4: O estremecemento e o fume son manifestacións da teofanía do Señor.
**6**, 5: Repulsa debida ao pecado persoal e mais ao pecado do pobo.
Os *labios lixados* son manifestación de humildade, diante da palabra profética que deben proclamar.
**6**, 9-10 Aínda que a experiencia vocacional data do 740, a redacción deste texto é posterior ao ano 735, e o profeta xa ten comprobado a falta de acollida da súa mensaxe profética: por iso retroproxecta a vocación ao fracaso da súa misión inmediata, polo menos no referente á mensaxe de fe que solicita no momento da guerra sirio-efraimita; por isto neste texto emprega a ironía literaria. Neste mesmo sentido está citado este texto no N. T. (Mt **13**, 14-16 par.; Xn **12**, 40; Feit **29**, 26-27).
**6**, 10 *Entulla*: lit. "enche de graxa": a graxa e a gordura simbolizan a soberbia e a negativa á fe, que leva ao rexeite da mensaxe profética.
**6**, 11-13 O profeta, home de fe, anuncia o castigo purificador do pobo incrédulo, que o reducirá a menos da décima parte; pero este décimo converterase en semente santa, fiel á Alianza con Deus.
**6**, 13 *Aciñeira* e *carballo*: as árbores sagradas e vellas, terebintos.
**7**, 1-9 Os vv. 1-3 preséntannos as circunstancias históricas nas que sucede o oráculo: a razón destas loitas dos arameos de Damasco (= Siria) e israelitas contra Xudá deben ser os intentos dunha coalición antiasiria, pois tratan de pór no trono de Xudá ao fillo de Tabel (un personaxe de orixe davídica favorable á coalición), en lugar do fillo de Iotam, o mozo Acaz. O profeta acompáñase do seu fillo "Un Resto Volverá", que ten nome de castigo (redución do pobo a un resto) e ao mesmo tempo de esperanza (pois o resto "volverá" ser pobo). Por isto, a mensaxe do oráculo é de esperanza e invitación á fe, ao mesmo tempo que de denuncia da incredulidade e de castigo (v. 9b).

corazón e mais o corazón do seu pobo, o
mesmo que se estremecen as árbores do sou-
to en presenza do vento.
[3]Entón díxolle o Señor a Isaías: –Saíde
ao encontro de Acaz, ti e mais o fillo que se
chama Un-Resto-Volverá, ao cruce da canle
do Estanque de Arriba co camiño que vai ao
campo do Bataneiro. [4]Haslle dicir: "Atento: ten
moita calma, non teñas medo e que o teu co-
razón non se afrouxe por eses dos dous tizóns
que fumegan: a rabia de Resín de Aram e do fi-
llo de Remalías. [5]Porque Aram aconselloulles
calamidades contra ti a Efraím e ao fillo de
Remalías, dicíndolles: [6]Subamos contra Xudá
e infundámoslle pavor; abramos brecha contra
ela e constituamos rei nela ao fillo de Tabel".
[7]Así fala o Señor Iavé:
Isto non se cumprirá nin sucederá, [8]pois
Damasco é a capital de Aram, e a cabeza de
Damasco é Resín (ao cabo de sesenta e cinco
anos Efraím deixará de ser un pobo); [9]a ca-
pital de Efraím é Samaria, e a cabeza de Sa-
maria é o fillo de Remalías. Vós non credes.
Pois non subsistiredes!

### Para Acaz: o Emmanuel dará cumprimento á esperanza

[10]O Señor volveulle falar a Acaz nestes
termos: [11]–Pide para ti un sinal de parte do
Señor, o teu Deus, nas profundidades do xeol
ou arriba nas alturas.
[12]Respondeu Acaz: –Non o pido, pois non
quero poñer a proba ao Señor.
[13]Entón dixo Isaías: –Escoitade vós, casa
de David: Non vos é pouco dominar os ho-
mes, que aínda queredes dominar o meu
Deus? [14]Por isto, o meu Señor daravos El
mesmo un sinal: Velaí a doncela: está en
cinta e dá a luz un fillo, ao que lle pon de
nome *Deus-connosco*; [15]comerá nata e mel,
xa que saberá rexeitar o mal e escoller o
ben. [16]Aínda antes de que o meniño saiba
rexeitar o mal e escoller o ben, serán aban-
donados os países dos dous reis ante os que
ti tremes. [17]O Señor fará vir sobre ti, sobre o
teu pobo e sobre a casa do teu pai, días que
non viñeron desde que se apartou Efraím de
Xudá.

### Anuncio dunha invasión asiria

Coa axuda do rei de Asiria,
[18]sucederá o día aquel,
que o Señor lles asubiará ás moscas
que están alá nas canles do Nilo en Exipto
e ás abellas que hai no país de Asiria;
[19]virán todas e pousarán nos regueiros
das quebradas e nas fendas das penas,
nas silveiras todas e nos abeberadoiros.

**7**, 4 Debilitarse o corazón: dubidar dos propios plans, pensar que son un fracaso.
**7**, 6 O nome *Tabel* figura en Esd **4**, 7 e significa "Deus é bo"; pero os masoretas fixeron un midrax, vocalizando Tabal = non bo, bo para nada...
**7**, 7 A paréntese é unha glosa posterior que nos leva ao ano 670, momento no que reina en Asiria Asarhadón quen, segundo Esd **4**, 2, instalou no país de Israel estranxeiros, levando deportados quizá aos restos efraimitas.
**7**, 9 O texto de 9b bina enfática usual en hebreo, é unha dura denuncia da incredulidade de Acaz, dos seus cultos ao xeito dos de Baal e das lóxicas consecuencias da súa actitude relixiosa (cf 2 Re **16**, 3). A ofrenda do sacrificio do seu primoxénito tivo que ter lugar neste tempo e o feito non puido deixar indiferente ao profeta.
**7**, 11-12 Pedir a Deus un sinal de que El recibiu a oración do home, non se consideraba tentar a Deus, pois na liturxia da lamentación individual era habitual que o profeta cúltico percibise e interpretase estes sinais; por isto, a resposta de Acaz débese entender como un "non me interesan as revelacións de Iavé, abóndanme os sacrificios (do meu propio fillo) que eu fixen".
**7**, 13 *Dominar*: máis ben que "cansar", pois compárase o dominio despótico do rei sobre o seu pobo ao estilo cananeo, co dominio que quere exercer sobre Iavé sacrificando ao seu propio fillo (cf 2 Re **16**, 3). Esta interpretación explica o sinal que lle ofrece Is nos vv. 14 ss.
**7**, 14 *Doncela*: heb. "almah", con artigo, que en ugarítico indica a esposa do rei, e aquí, por dirixirse á casa de David, ten que ter este sentido. Con todo, non se debe calar que a tradición xudía, polo menos en parte, desde o s. II a. C., entendeu que a nai do Mesías tiña de ser virxe, e que a primitiva comunidade cristiá así o recoñeceu, como se ve nas traducións targumizantes dos LXX, Vg, Siríacas e Mt **1**, 23. O Targum, algunhas recensións gregas e o mesmo S. Xerome, entenderon o texto como "moza", "doncela". O meniño mesiánico que é signo para Acaz, é, no plan histórico, o futuro rei Ezequías. A súa nai debeu ser unha piadosa iavista próxima aos círculos proféticos de Is, a xulgar polas súas reformas cúlticas (cf 2 Re **18-20**). O nome que lle impón ao neno é a síntese da teoloxía monárquica: instrumento da presenza dinámica de Deus no pobo: Deus connosco, que nunca foi nome persoal, senón quizais unha aclamación litúrxica no Sal **46** (cf Sof **3**, 15; Am **5**, 14; Miq **3**, 11).
**7**, 15 A *nata* e o *mel* eran alimento de pastores (= reis); *xa que*: o termo hebreo debe ter aquí sentido causal, por vincular a comida con *escoller o ben*. Sería entón un comentario a Xén **2-3**, presentando o Mesías como un anti-Adán, ou Novo-Adán.
**7**, 16 O sinal que se lle ofrece a Acaz é que, antes de que o meniño saiba coñecer o que é bo e malo, desaparecerán os ataques dos sirios e dos israelitas, que xa os prodigaban desde a fin do reino de seu pai.
**7**, 17 Este v. é unha descrición do reino mesiánico, sen poder saberse ata que punto estaba ligado ao reino de Ezequías na mente do I Is; sen dúbida estaría proxectado a un futuro indeterminado.
**7**, 18-25 Este oráculo de castigo debe pertencer á época de Acaz, e refírese a Israel e Siria; a súa terra quedará feita un baldío nas mans do rei de Asiria.
**7**, 17 *Coa axuda do rei de Asiria*. Non é unha glosa incorrecta, como moitos din, senón que a preposición hebrea "et" ten aquí un valor instrumental.
**7**, 18 As abellas e moscas non son seres maléficos, senón que, neste caso, veñen ao ermo chamadas por Deus.

[20]O día aquel afeitará o meu Señor,
con navalla de aluguer
de alén do Éufrates, ao rei de Asiria:
a cabeza e os pelos das pernas,
e tamén a barba.
[21]Sucederá o día aquel,
que cada un poderá manter
unha xovenca de gando grande
e un par de reses do rabaño.
[22]Producirase tanto leite que se comerá nata.
Si, quen fique no país comerá nata e mel.
[23]Sucederá o día aquel,
que calquera viñedo, con mil cepas
por valor de mil moedas de prata,
volverase unha silveira e un toxal.
[24]Entrarase dentro del
con frechas e con arco:
todo o país será unha silveira e un toxal.
[25]Tampouco se entrará nos soutos
rozados coa sacha,
por medo ás silveiras e aos toxos;
todo quedará a monte:
para meter bois e ser pisados das cabras.

### Nacemento e nome simbólico dun fillo do profeta

**8** [1]O Señor díxome: –Colle unha táboa grande e escribe nela con buril ordinario: *Pronto Botín-Rápido Saqueo*.

[2]Eu collín como testemuñas a homes de creto: a Urías, o sacerdote, e a Zacarías, fillo de Ieberequías. [3]Logo achegueime á profetisa: ela quedou en cinta e deu a luz un fillo. Entón o Señor díxome: –Chámalle de nome *Pronto Botín-Rápido Saqueo*, [4]pois antes de que o meniño saiba pronunciar meu pai e miña nai, levará á presenza do rei de Asiria as riquezas de Damasco e o botín de Samaria.

### Máis oráculos acerca do Emmanuel

[5]Continuou o Señor falándome de novo nestes termos: [6]–Porque este pobo rexeitou as augas de Xilóah, que camiñan mansamente, e porque ten a súa alegría con Resín e co fillo de Remalías, [7]velaí que o meu Señor fará subir contra eles as augas furiosas e crecidas do río Éufrates (o rei de Asiria e o todo o seu esplendor).

Rebordará e arrasará toda a súa ribeira.
[8]Inundará Xudá, rebordará, invadirá
e chegará ata o pescozo.
A extensión dos seus regatos
encherá toda a túa terra, Emmanuel.
[9]Asociádevos, pobos;
ides ser confundidos;
facede por escoitalo,
todos os confíns da terra:
cinguídevos as armas,
que seredes confundidos.
[10]Trazade un plan e será esnaquizado;
falade o asunto e non se manterá;
pois connosco-está-Deus

### O Señor, pedra de tropezo para o pobo

[11]Así dixo o Señor, cando me colleu da man e me apartou do vieiro deste pobo:
[12]Non chamedes conspiración a todo
o que este pobo chama conspiración;
non temades o que el teme,
nin lle teñades medo.
[13]O Señor dos Exércitos,
El é o Conspirador,
El será a causa do voso temor
e do voso medo:
[14]converterase, para as dúas casas de Israel,
no Conspirador,
na pedra de tropezo, na pedra que fai caer,
en lazo e trampa
para os habitantes de Xerusalén.
[15]Si, moitos deles tropezarán nelas,
tropezarán moitos,
caerán e esnaquizaranse,
quedarán atrapados e presos.

**7**, 20 A falta, ou afeitado do pelo e barba era sinal de degradación e perda de personalidade e liberdade; *pernas* é aquí un eufemismo.
**8**, 1-4 O nome *Pronto Botín-Rápido Saqueo* ten o carácter dunha proclamación solemne, indeterminada ao principio, cousa que cadra ben coa interpretación de **7**, 9, e soamente despois de nove meses recibe sentido concreto de liberación para Xudá.
**8**, 3 O título de *profetisa* implica unha misión profética (cf **7**, 3; **8**, 18) semellante á doutras mulleres (cf Xuí **4**, 4; 2 Re **22**, 14; 2 Cro **34**, 22): para darlle ese título non bastaría con ser muller do profeta e nai de profetas.
**8**, 5-8 O tema da auga no v. 6 simboliza as esperanzas políticas dunha parte dos xudeus favorables á liga sirio-efraimita e contraria á política de Acaz; as augas de que se trata son as augas dunha fonte que, por túneles, Acaz meteu dentro dos muros da cidade de Xerusalén, para facela inexpugnable; o *rexeitar estas augas* é sinal de falta de fe na elección divina de Xerusalén. *Ten a súa alegría* é paralelo coas augas, pois a auga é fonte de vida e esperanza. No v. 7 as augas furiosas e abondosas simbolizan o arraso da invasión asiria. A paréntese é unha glosa clarificadora correcta. A profecía tivo cumprimento nos anos 734.
**8**, 9-10 É un oráculo de castigo contra os pobos (Siria, Israel...) pois o seu plan esquece o carácter teolóxico de Xudá, de Xerusalén, cidade elixida por Deus, e sobre a que estende unha especial protección (= "connosco está Deus", lit. "Emmanuel"). Esta lectura, avalada polo Targum, cadra mellor ca o T. M., que cambiou por dificultades teolóxicas o texto hebreo.

### A palabra profética, testemuño perpetuo

[16]Envolvo o rolo da exhortación xunto cos
meus discípulos, selo a ensinanza. [17]Despois
espero no Señor, que esconde da casa de Xa-
cob a súa cara. Agardo por El.
[18]Velaí: eu e mais os fillos que o Señor
me deu servimos de sinais e presaxios en
Israel, de parte do Señor dos Exércitos, que
reside no monte Sión. [19]E cando vos digan:
"Consultade os nigromantes e os adiviños
que rosman e murmuran: Non pode un pobo
consultar os seus deuses e os mortos en fa-
vor dos vivos?". [20]Velaí a exhortación! Velaí
a ensinanza! Esta é a palabra coa que se lles
ha de responder, e que non ten forza máxica.
[21]Un atravesa o país deprimido e famento;
cando lle dá fame, desespérase.
Empeza a maldicir o seu rei e o seu Deus;
volve a cara para o alto, [22]e olla para a terra:
todo, angustia e escuridade,
negrura, opresión,
e profunda escuridade espallada por todo.
[23]Pero non hai escuridade
para o que foi afirmado.

### O Emmanuel: luz e paz para o pobo

Así como nun primeiro momento
humillou o país de Zebulón
e o país de Naftalí,
así no derradeiro glorificará
o camiño do mar, a rexión do Xordán,
a bisbarra dos xentís.

**9** [1]O pobo que camiñaba na escuridade,
viu unha grande luz.
Esa gran luz brillou sobre os que habitaban
no país das sombras da Morte
[2]Multiplicaches o xúbilo,
fixeches grande a ledicia.
Alegráronse coa túa presenza,
coma coa alegría da seitura,
o mesmo que saltarán de xúbilo
ao repartiren o botín.
[3]Velaí o xugo da súa carga
e o varal do seu ombreiro
o bastón de quen o oprime:
rompíchelos coma o día de Madián.
[4]Pois toda bota que tropeza con ruído,
e todo manto cuberto de sangue
serán para a queima,
serán pasto de incendio.
[5]Pois velaí que nos naceu un meniño,
déusenos un fillo:
a soberanía estará sobre o seu ombreiro,
e será invocado con estes seus nomes:
Marabilla de conselleiro, Heroe divino,
Pai eterno, Soberano da Paz.

**8**, 16-20 Faise alusión ao enrolar e selar oficialmente un documento oficial, isto é, o texto profético que antecede, esperando o seu cumprimento. Os discípulos do profeta son testemuñas das palabras proféticas, e o testemuñarlle ao pobo realízase suficientemente co nome do profeta (que significa Iavé salva), e cos nomes simbólicos e proféticos dos dous fillos (cf **7**, 3; **8**, 18).
**8**, 19 Sobre a nigromancia, adiviñación suscitando o espírito do defunto, cf 1 Re **28**, 3-25.
**8**, 20 Este v. é resposta aos que consultan aos nigromantes e adiviños. Non ten forza máxica, senón que a palabra de Deus é o xuízo anticipado de Deus, que se vai realizar na historia.
**8**, 21-23 Estes vv. teñen a función de clarificar o feito de que a palabra profética contida no rolo selado dá sentido pleno aos feitos históricos que teñen que acontecer.
**8**, 23a *Foi afirmado*: alude á revelación divina, que, ao darlle sentido aos feitos históricos que anunciaba, se converte para quen cre nela en algo tan firme e duro coma o bronce ou o ferro.
**8**, 23b-**9**, 8 Cantar de acción de grazas polo nacemento do Mesías, feito que implica a extensión da presenza do Deus glorificador, luz, ata zonas moi xentilizadas (**8**, 23b), a forte ledicia provocada pola fartura xeneralizada (v. 2), a supresión dos opresores (v. 3) e das guerras (v. 4). No v. 5 aplícanselle unha serie de nomes significativos da súa misión mesiánica, xa que o nome para o semita é expresión do que a persoa é ou ten que ser. O v. 6b concreta o tipo de reinado mesiánico (reino davídico afincado co dereito e a xustiza), para rematar coa significación teolóxica desta esperada realidade histórica (= será obra de Deus).
**8**, 23b: A alusión á humillación de Zebulón e Naftalí (a zona máis ao norte de Israel) debe referirse ás incursións de Xalmanasar III no 845, reinando Omrí. As referencias á glorificación aluden á recuperación da liberdade e independencia das tres provincias ou distritos nos que dividía Teglatpeléser III o territorio de Israel no 734/32, deixando como tributaria a Samaria e arredores co seu rei Pécah. O camiño do mar refírese ao distrito de Dor; a rexión do Xordán, á Transxordania; e a bisbarra dos xentís, a Meguido. Este v. e parte do seguinte, cítase en Mt **4**, 13-16 para describir os comezos do ministerio de Xesús, pois enténdese targumicamente a bisbarra (heb. "guelil") como a Galilea.
**9**, 1 *O país das sombras da Morte* (lit. "de Mot", a divindade dos mortos). Considerábase que Mot habitaba "debaixo da terra", no país das tebras, no lugar onde faltaba a felicidade.
**9**, 2 A presenza de Iavé é benéfica, pois inclúe a fartura da colleita e da repartición do botín de guerra.
**9**, 3 *O xugo* e *o varal* eran os fortes impostos e a falta de liberdade baixo a preponderancia asiria. Sobre o día de Madián, cf Xuí **7**, 15-25.
**9**, 4 *A bota que tropeza con ruído* é a bota asiria amalloada ata o xeonllo, o mesmo ca o manto cuberto de sangue que se refire á proverbial crueldade asiria.
**9**, 5 O sinal da presenza salvífica de Iavé exprésase co nacemento dun meniño descendente de David e herdeiro da promesa de Natán (2 Sam **7**, 14), e, por isto, fillo de Iavé. Os signos da soberanía ou realeza impúñanse sobre o *ombreiro*: sexa o manto (**6**, 1; 1 Re **20**, 10. 30), sexa o cetro (Sal **45**, 7; **110**, 2), sexa a chave (Is **22**, 22). Nos títulos mesiánicos sintetízanse sublimadas as grandes tradicións monárquicas: o consello propio do sabio, refírese a Salomón; e a heroicidade, a David. *Pai* e *Soberano da Paz*, refírense á función protectora e auxiliadora do rei. Os dous adxectivos "divino" e "eterno" pódense considerar como formas de superlativo, semellantes ás que aparecen en Exipto na entronización dos faraóns.

6Oh, que grande a súa Soberanía!
A paz non terá fin no trono de David
e no seu reino,
para afincalo e para afirmalo,
co dereito e coa xustiza,
desde agora e para sempre.
O celo do Señor dos Exércitos fará isto.

**Sentenza divina contra Israel**

7Unha palabra mandou o Señor
contra Xacob, e caeu en Israel.
8Coñécea todo o pobo, Efraím
e os habitantes de Samaria,
que dicían con orgullo
e na soberbia das súas intencións:
9"Se caeron os ladrillos,
construiremos con pedra labrada;
se foron cortados os sicómoros,
cambiarémolos por cedros".
10Si, o Señor protexeu ao seu inimigo Resín,
azorrou aos seus adversarios,
11a Aram por diante
e aos filisteos por detrás,
que devoran a Israel a boca chea.
Por todo isto non se muda a súa ira
e a súa man está aínda estendida.
12Pois o pobo tampouco non se converteu
a quen o castigou,
nin busca ao Señor dos Exércitos.
13Por isto o Señor cortoulle a Israel
a cabeza e mais o rabo,
a palmeira e o xunco no mesmo día.
14O ancián e o dignitario son a cabeza,
o profeta que dá a coñecer imposturas
é o rabo.
15Os condutores deste pobo
foron os que o descarreiraron,
e os conducidos foron os destruídos.
16Por isto o meu Señor non será clemente
coa xuventude do pobo,
nin terá compaixón
dos seus orfos e das súas viúvas,
pois todos eles son malvados e ruíns,
e todas as bocas falan parvadas.
Por todo isto non se muda a súa ira
e a súa man está aínda estendida.
17A ruindade arde coma o lume
que devora silveiras e espiños,
prendeu lume na espesura do bosque,
e lanzou en remuíño unha gran fumareda.
18Co paso do Señor dos Exércitos
queda abrasado o país,
e o pobo é pasto do lume,
ninguén ten compaixón de seu irmán.
19Un recolle froitos pola dereita,
e queda con fame;
come pola esquerda, e non se farta;
cadaquén ten que comer
a carne do seu brazo.
20Menaxés come a Efraím;
Efraím, a Menaxés;
os dous xuntos a Xudá.
Por todo isto non se muda a súa ira,
e a súa man está aínda estendida.

**Sétimo Ai contra os xuíces inxustos (cf 5, 8-25)**

**10** 1Ai dos que impoñen prescricións
de iniquidade,
e dos que ao escribiren,
escriben para desgraza
2privando aos pobres do xuízo,
roubándolles a xusta sentenza
aos oprimidos do meu pobo,
convertendo as viúvas na súa presa
e saqueando os orfos.
3Que faredes no día das contas,
e no da devastación que xa vén de lonxe?
Xunto a quen correredes a pedir socorro?
Onde deixaredes as vosas riquezas?
4Non! Teredes que axeonllarvos
entre os prisioneiros

**9**, 7-**10**, 4 Esta sección está composta de catro estrofas marcadas por unha fórmula fixa como remate en 11b. 16c. 20b e 10, 4b. Os vv. 10, 1-4 formaron parte do setenario de Ais de **5**, 8-24, e por isto afastámolo das tres primeiras estrofas. Literariamente son oráculos de xuízo condenatorio contra Israel, anteriores á invasión asiria do ano 732.

**9**, 7 A *palabra* que o Señor manda, e que cae sobre Israel, é unha sentenza condenatoria cargada dun dinamismo inexorable, pois ten a forza de realizar o que significa, a non ser que o pobo cambie de actitude.

**9**, 9 O refrán refírese á construción da cidade, sexa despois dun posible terremoto (Am **1**, 1; Zac **14**, 5), ou ben dos arrasamentos asirios nos tempos do rei Menahem (cf 2 Re **15**, 19-20).

**9**, 10 *O seu inimigo Resín*: non "os inimigos de Resín", como traducen outros.

**9**, 11 Deste dobre ataque sirio e filisteo contra Israel non temos outros datos históricos: pode referirse aos ataques sirios e filisteos contra Israel despois da dominación de Siria e da Filistea por Teglatpeléser, despois do 732.

**9**, 13 O dobre merismo *cabeza-rabo, palmeira-xunco* indica a totalidade, como se ve no v. 15.

**9**, 19 *A carne do seu brazo*: a xulgar polo v. 20, temos aquí a imaxe da totalidade do pobo de Deus (Israel e Xudá) como un corpo humano.

**9**, 20 Estas tensións e loitas entre tribos aluden, sen dúbida, aos cambios dinásticos dos reinos do Norte e aos plans da coalición sirio-efraimita.

**10**, 1-4 Este Ai débese considerar como o remate do setenario de Ais de **5**, 8-25; e, o mesmo ca aqueles, diríxese contra Xudá. O refrán de 4b enlaza o texto coas tres estrofas que preceden e prolonga o castigo máis alá da derrota e da deportación dos prisioneiros de guerra, pensando sen dúbida nas deportacións que prodigaban os asirios.

e caeredes entre os asasinados.
Con todo isto non se muda a súa ira,
e a súa man está aínda estendida.

**Ai contra Asiria pola súa soberbia**

5 Ai!, Asiria, bastón da miña ira,
e vara na man do meu furor.
6 Vouna mandar contra o pobo impío,
e voulle dar ordes contra o pobo
da miña indignación,
para saquealo e para roubalo,
para convertelo nun pisadoiro,
coma a lama dos camiños.
7 Si, Asiria non imaxinaba a cousa así,
o seu corazón non o planeaba deste xeito,
pois no seu corazón estaba desolar,
e arrasar non poucos pobos.
8 Así dicía: "Non son reis
cada un dos meus príncipes?
9 Non é Kalnó coma Kárkemix?
Non é Hamat coma Arpad?
Non é Samaria coma Damasco?
10 O mesmo que a miña man
atopou os reinos dos ídolos
(e iso que os seus ídolos son máis
ca os de Xerusalén e Samaria),
11 non puiden facerlles a Samaria
e aos seus ídolos
o mesmo que lles hei facer a Xerusalén
e aos seus ídolos?".
12 Si, cando o meu Señor remate a súa obra
no monte Sión e en Xerusalén, examinará os
soberbios plans do rei de Asiria e o altivo or-
gullo dos seus ollos, 13 pois (Asiria) dicía así:
"Fíxeno coa forza da miña man
e coa miña habilidade: que lista fun!
Apartei as fronteiras das nacións,
saqueei os seus almacéns,
como un heroe afundín os seus habitantes.
14 A miña man deu, coma cun niño,
coas riquezas das nacións;
como quen colle ovos abandonados,
eu recollín todos os países,
e non houbo quen batese as ás,
nin quen abrise o pico e piase".
15 Enorgullécese a machada
ante quen corta con ela?
Engrandécese a serra ante quen a move?
Levanta a vara a quen a ergue a ela?
Ergue o pau a aquel que non é pau?
16 Por isto o Señor Iavé dos Exércitos
mandará enfraquecemento
aos que El engordou.
E debaixo da súa opulencia
acenderá unha fornalleira,
si, unha fornalleira de incendio.
17 Resultará que a Luz de Israel
se converterá en incendio,
e o seu Santo en chama,
que queimará e devorará
espiños e silvas no mesmo día,
18 que consumirá totalmente o esplendor
do seu bosque e do seu verxel.
Si, será coma o decaemento
dun enfermo.
19 O resto das árbores do bosque
será tan pequeno
que un meniño as poderá cortar.

**O resto de Israel volverá ao Señor**

20 Sucederá no día aquel
que o resto de Israel
e o que queda da casa de Xacob,
non volverá afiuzar
no pobo que o castigaba,
senón que afiuzará con firmeza
no Señor,
o Santo de Israel.
21 Un resto, o que queda de Xacob,
volverá ao Deus Forte.
22 Aínda que o teu pobo, Israel,
fose coma a area do mar,
soamente un resto volverá a El.
A destrución está decidida,
desbordante de xustiza.
23 Si, a destrución xa se decidiu.
O meu Señor, o Deus dos Exércitos,
vaina facer en todo o país.
Xudá, non lle teñas medo a Asiria.

**10**, 5-19 Oráculo contra Asiria, composto despois do ano 717 (cf nota ao v. 9).
A acusación fundamental é a de soberbia, pois Asiria non recoñece o seu carácter de instrumento da xustiza de Deus no castigo de Samaria. No fondo, o oráculo é un texto de teoloxía da historia.
**10**, 5 *Na man* = poder.
**10**, 9 Teglatpeléser conquista Kalnó no 739 e Damasco no 732; Kárkemix foi conquistada por Sargón no 717, e Hamat no 720; Arpad e Samaria, no 722/21. Por isto o texto ten que ser posterior ao 717.
**10**, 10 A paréntese é o resultado dunha glosa-comentario de parte dun pío copista, que anticipa o xuízo contra Asiria, porque os seus ídolos son máis ca os de Xudá ou Samaria.
**10**, 12 Este v. é unha reflexión sobre esta actitude autosuficiente e soberbia de Asiria, contra a que se anuncia unha inspección de castigo. É preferible a lectura dos LXX (*examinará*), á do texto hebreo ("examinarei").
**10**, 17 Merece notarse o título ou nome de Iavé: "Luz de Israel", en paralelo co Santo de Israel, que se refire ao Deus da revelación salvífica para Israel. Este Deus que é Luz, converterase para Asiria en incendio que consome totalmente o bosque.
**10**, 20 *No pobo que o castigaba*: contrapón Isaías a confianza nos asirios, que mantivo no trono ao último rei de Israel, Pécah, coa confianza en Iavé.

24 Por isto así fala o meu Señor,
Deus dos Exércitos:
Non lle teñas medo a Asiria,
meu pobo, que habitas en Sión,
que cunha vara en ti bate e contra ti levanta
o seu pau no camiño de Exipto,
25 porque un pouco, un pouquiño máis,
e acabarase o meu furor,
a miña ira axiña vai desaparecer
totalmente.

26 Pero aínda mostrará o Señor dos Exércitos
o seu látego espido contra el,
como cando a derrota de Madián
no penedo de Horeb
levantou o seu bastón contra o mar
no camiño de Exipto.
27 Sucederá no día aquel
que retirará a súa carga do teu ombreiro,
e o seu xugo de enriba da túa cerviz:
romperá o xugo pola presenza
do seu Nome.

### Sentenza divina contra a invasión sirio-efraimita

28 Está chegando a Aiat, pasa por Migrón,
e Micmax pasa revista ás súas armas;
29 cruzade polo desfiladeiro,
Guebá sexa o voso cuartel de noite.
Xa treme Ramah, xa foxe Guibá,
a de Xaúl.
30 Entoa os teus cantos de xúbilo,
filla de Galim,
escoita, Laixah. Responde, Anatot.
31 Xa escapou Madmenah,
os habitantes de Guebim xa están a seguro.
32 Hoxe mesmo paran en Nob,
move a súa man cara ao monte
da filla de Sión,
cara ao outeiro de Xerusalén.
33 Velaí o Señor Deus dos Exércitos:
vai cortar as pólas con furor;
as pólas do curuto xa están partidas;
as máis altas caen;
34 a espesura do bosque
vai ser sacudida co ferro,
e o Líbano co seu esplendor caerá.

### Oráculo do Emmanuel

**11** 1 Sairá un abrocho
do pé da árbore de Ixaí
e un gromo brotará da súa raíz.
2 Descansará sobre el o Espírito do Señor,
espírito de sabedoría e discernimento,
espírito de consello e fortaleza,
espírito de ciencia e temor do Señor.
3 Sentirá a súa compracencia
no temor do Señor.
Non xulgará conforme a aparencia
dos seus ollos,
nin sentenciará conforme as historias
dos seus oídos.
4 Xulgará ao pobre conforme a xustiza,
e sentenciará con rectitude
aos oprimidos da nación.
Castigará ao violento coa vara da súa boca,
e co espírito dos seus labios
matará ao malvado.
5 Será a xustiza o cinto da súa cintura
e a fidelidade o cinto do seu lombo.

**10**, 24 *No camiño de Exipto*: algúns autores consideran esta expresión como unha glosa que provén do v. 26. Certo que está en contraposición co v. 26, pero non é unha glosa, senón unha clarificación teolóxica da imaxe de levantar o pau, pois trátase dun levantar o pau ao conducir os cativos xudeus da Xefelah no ano 701, e contraponse a outro levantar o pau, no que se lle bate ao mar, elemento diabólico, para significar a liberación.
**10**, 26 Sobre a alusión a *Madián*, cf **9**, 3; Xuí **7**, 25. *O mar*: referencia á figura mítica cananea Iam (= Mar), autor principal do caos e desorde primordial; e tamén histórica: a deportación de parte dun reino é algo caótico, obra de Iam (= os cananeos), e por isto aquí son mallados por Deus (non polo novo Moisés) no camiño da saída da escravitude. Para o autor, a deportación do 701 é expresión da ira de Iavé, pero é algo pasaxeiro.
**10**, 27 *Do seu Nome*: o nome, e especialmente o nome de Deus, é a manifestación do seu dinamismo salvífico.
**10**, 28-30 O texto describenos unha invasión, querida por Deus (v. 33), cun itinerario que vén do norte camiño de Xerusalén e non se pode referir máis ca ao ataque sirio-efraimita do ano 734-32. (No asedio de Senaquerib do ano 701 el vén desde a Filistea cara o nacente).
**11**, 1-9 Aínda que non se nomea o personaxe co título de Emmanuel, o texto refírese á mesma realidade, á esperanza mesiánica, pois trátase dun descendente de David (Ixaí foi o pai de David); aínda que sobre el descansa o Espírito do Señor, este espírito é espírito de sabedoría propia do perfecto gobernante: xulga xustamente aos pobres. No v. 6 fálanos do pastoreo, que era imaxe da realeza. A data de composición deste oráculo haina que situar despois da invasión de Senaquerib no 701, momento no que 46 cidades de Xudá foron anexionadas aos gobernadores asirios da Filistea; e a isto ten que aludir o v. 6 co pastoreo dun neno pequeno de animais inimigos entre si, coma o lobo e o carneiro, etc. O desprendemento dunha figura concreta, como puido ser para outros oráculos do Emmanuel o nacemento de Ezequías, está ben claro no texto, que deste xeito resulta un cantar de esperanza mesiánica puramente teolóxico, pois o seu único fundamento é a promesa de Natán, de 2 Sam **7**, 16.
**11**, 2 O Espírito de Iavé non é exclusivo do profeta, senón tamén do rei ao ser consagrado (cf 1 Sam **16**, 13. 14); as seis cualificacións do espírito refírense á sabedoría (cf Pr **8**, 12-14. 15-20) que se precisa para o exercicio do bo goberno rexio. A tradución dos LXX e a Vg engadiron o "espírito de piedade", de xeito que o conxunto constituíu a serie de dons do Espírito Santo na teoloxía católica.
**11**, 4 O *violento*: lemos "aris" en vez do T. M. "ares" = terra, nación, polo paralelismo con malvado. A *vara da boca* e o *espírito* (forza, dinamismo) *dos labios* refírense á sentenza xudicial.

6O lobo habitará co carneiro
e o leopardo deitarase co cabrito;
o becerro e o leonciño pacerán xuntos:
un meniño pequeno sacaraos ao pasto.
7A vaca e a osa pacerán xuntas,
xuntas deitaranse as súas crías;
o león, o mesmo ca o boi, comerá palla.
8Un meniño de leite
xogará no tobo da cobra,
e un neno destetado
collerá a víbora coa súa man.
9Ningún será malvado nin fará o mal
en todo o meu monte santo:
o país estará cheo
de coñecemento do Señor,
o mesmo que as augas enchen o mar.

### Retorno dos desterrados, trala bandeira mesiánica

10Sucederá o día aquel que a raíz de Ixaí
estará ergueita de bandeira das nacións,
os pobos procurarana,
e a gloria será o seu lugar de descanso.
11Sucederá o día aquel que volverá
o meu Señor a levantar a súa man,
para redimir o resto do seu pobo,
os poucos que quedaron de Asiria
(e de Exipto e de Patrós, de Cux e de Elam,
de Xinar, de Hamat e das illas do mar).
12Levantará a bandeira entre os pobos,
xuntará os dispersados de Israel,
recollerá os esparexidos de Xudá
das catro bandas do mundo.
13Cesará a envexa de Efraím,
e Xudá deixará de oprimir;
Efraím xa non terá celos de Xudá,
e Xudá xa non oprimirá a Efraím.
14Correrán cara ao mar ombreiro
con ombreiro contra os filisteos;
xuntos saquearán aos pobos do nacente:
Edom e Moab serán presa da súa man,
e os fillos de Amón estarán sometidos
á súa obediencia.
15O Señor deixará seco
o golfo do mar de Exipto,
e moverá a súa man contra o Éufrates;
co ardor do seu alento
romperao en sete brazos,
e fará que se poida pasar con sandalias.
16Haberá unha calzada
para o resto do seu pobo,
para os que quedaron en Asiria,
o mesmo que a houbo para Israel,
o día que subiu do país de Exipto.

### Salmo profético de acción de grazas pola salvación

**12** 1O día aquel dirás:
Douche as grazas, Señor.
Estabas anoxado comigo,
pero calmouse a túa ira,
e consoláchesme.
2Velaí, Deus é a miña salvación,
terei confianza, e non medo.
El é a miña forza, por isto loareino.
Si, o Señor é a miña salvación.

**11**, 7 Asiria non recoñece a súa función de instrumento nas mans do Señor.
**11**, 8-9 Nestes vv. as imaxes da convivencia dos elementos opostos no reino mesiánico cos vv. 6-7 evolucionan para a ausencia de todo tipo de mal neste reino cheo de "coñecemento de Deus". Esta expresión atópase en Oseas e nos máis antigos textos do Dt.
**11**, 10-16 Os comentaristas insisten na orixe exílica deste texto, por causa do v. 11c, que é unha glosa exílica, pero non o é toda a sección, pois no v. 16a non aparece máis ca "o resto de Asiria"; por outra parte o v. 13 non ten sentido ningún durante o exilio babilónico.
**11**, 10 *A raíz de Ixaí* é título mesiánico, e literariamente vincula este oráculo salvífico co anterior (cf **11**, 1). As *nacións* e os *pobos*: tendo en conta a historia, débese entender dos membros do pobo de Deus, que viven entre os xentís a consecuencia das deportacións asirias e das emigracións por culpa das liortas políticas do s. VIII, aínda que este sentido histórico non impide unha interpretación cristiá de universalismo salvífico. A gloria refírese a Xerusalén, lugar da presenza de Iavé.
**11**, 11 *Redimir*: lit. comprar, rescatar. A paréntese é unha glosa exílica, xa que no v. 16 só se fala de Asiria: Patrós está no Alto Exipto: Cux é a Etiopía; Elam é a Persia posterior; Xinar é Babilonia; Hamat está ao norte de Siria; e as illas ou costas do mar, veñen sendo o mundo grego.
**11**, 12 *As bandas*, os lados do cadrado terráqueo, e os puntos cardinais, que constitúen para os semitas o mundo habitable, son lugares de ben e bendición, mentres que os ángulos do cadrado as esquinas son lugares maléficos.
**11**, 13 Exprésase unha situación contraria á descrita en **7**, 1-9, e **9**, 20, conclusión do cisma entre o reino de Xudá e o de Israel, e dos cambios dinásticos en Israel.
**11**, 15 A referencia ao *mar de Exipto* (cf nota a **10**, 26) parece ser unha alusión teolóxica á volta dos deportados polos asirios, frecuente no II Is (**40**, 3-4; **41**, 17-20; **42**, 15-16; **43**, 16-21; **48**, 20-21). O *Éufrates* aquí está por Asiria, coas connotacións negativas de auga e mar. Os *sete brazos* son un número simbólico de multitude.
**11**, 16 O tema da *calzada* sagrada, ao estilo da do Éxodo, é típica do II Is (**40**, 3-4; **43**, 19...), aínda que xa aparece nos textos da última época do I Is (cf **19**, 23; **35**, 8).
**12**, 1-6 Salmo profético de acción de grazas, que non se pode homologar cos salmos litúrxicos nos que a salvación está xa realizada, pois aquí o cantar olla para un futuro: "dirás, loarei, sacaredes, diredes". Os tempos pasados que aparecen no contexto, téñense que considerar futuros. Hai que remarcar tamén a presenza dun "ti" (vv. 1-2) e dun "vós" (vv. 3-5). O "ti" ten que referirse ao Emmanuel, o rei mesiánico, cabeza e instrumento de salvación para o seu pobo; e o "vós" refírese aos "habitantes de Sión" (v. 6). Deste xeito o salmo profético serve de conclusión ao libro de Emmanuel.
**12**, 2 Cf Éx **15**, 2 e Sal **118**, 14: proclamación da fe no poder salvífico de Deus, que actuará en favor do rei Mesías, creando como un novo Éxodo, unha era de ventura.

3 Sacaredes auga con gozo
das fontes de salvación.
4 O día aquel diredes:
Dádelle grazas ao Señor,
invocade o seu nome.
Dade a coñecer entre os pobos
os seus feitos,
facédelle a lembranza
de que é grande o seu Nome.
5 Cantádelle ao Señor.
De verdade fixo cousas magníficas,
que serán coñecidas en toda a terra.
6 Clamade con gozo e ledicia,
habitantes de Sión:
Que grande é no medio de ti
o Santo de Israel.

## ORÁCULOS DE XUÍZO DE CASTIGO CONTRA AS NACIÓNS

### Contra Babilonia

**13** 1 Oráculo que contra Babilonia recibiu
en visión Isaías, fillo de Amós:
2 No alto dunha montaña pelada,
levantade a bandeira,
berrádelles ben alto,
movede os brazos para que entren
polo portón dos nobres.
3 Mandéillelo eu aos meus consagrados,
a berros convoquei aos meus valentes
ante min, aos que gozan
coa miña grandeza.
4 Ruído de axitación nas montañas,
coma un exército numeroso.
Ruído de tumulto dos reinos,
dos pobos reunidos.
O Señor dos Exércitos
pasa revista ao exército de combate.
5 Veñen de terras afastadas, do cabo do ceo,
o Señor e os instrumentos da súa ira,
veñen para arrasar toda a cidade.
6 Gritade triunfantes:
Está preto o día do Señor!
Xa chega a devastación
do Deus Devastador!
7 Por isto todas as mans se tornarán febles
e todo proxecto humano virá abaixo.
8 Todos quedarán estarrecidos.
Angustias e dores posúenos,
como as dores da muller
que se retorce no parto!
Cada un horrorízase do seu compañeiro:
as caras de ambos
volveranse coma o lume.
9 Velaí chega cruel o día do Señor,
velaí o arrebato e o incendio da súa ira,
para converter a cidade nunha desolación,
e para borrar dela o seu pecado.
10 As estrelas do ceo e as constelacións
non emitirán a súa luz.
O sol, unha vez que saia, escurecerase,
e a lúa non brillará coa súa luz.
11 Castigarei o orbe pola súa maldade
e os malvados pola súa iniquidade.
Derrubarei a soberbia dos insolentes,
e humillarei o orgullo
dos que provocan medo.
12 Os homes serán máis escasos
ca o ouro fino,
a humanidade máis ca o ouro de Ofir.
13 Por isto o ceo tremerá
e a terra moverase do seu sitio,
polo arrebato do Señor dos Exércitos,
polo incendio da súa ira.
14 O mesmo que a gacela espantada
e o rabaño que non ten quen o xunte,
así cada un se encamiñará ao seu pobo,
e fuxirá cara ao seu país.

**12**, 3 Trátase dun rito da Festa das Cabanas (cf Mixnah, Sukká **4**, 9). Recollían auga de Xiloé (cf **8**, 6; Sal **36**, 99-10; Ez **47**, 1; Xl **4**, 18; Xn **9**, 11), como símbolo da bendición de Deus.

Cc. **13-23** Esta sección constitúe o agrupamento dos oráculos contra as nacións pagás, seguindo a tradición dos compiladores dos grandes libros proféticos, tal como se reflicte en Xer **46-58** e Ez **25-32**. Non todos os textos son de Is, senón que algúns tiveron por autores a outras persoas da súa escola profética.

**13**, 1 *Oráculo*: (hebreo "massá" ), o verbo do que procede significa levantar un peso, levantar a voz: de aquí o sentido de oráculo de castigo (peso), ou simplemente oráculo en sentido amplo. Nesta frase temos o resto do título da sección **13-24**, que soaría así: "Palabras que recibiu en visión Isaías, fillo de Amós" (cf **1**, 1; **2**, 1), e que foi cambiando durante o desterro.

**13**, 2-22 O oráculo non pode ser de Is, porque no s. VIII Babilonia non significa nada para un xudeu; tampouco é do II Is, que ten unha visión teolóxica dos feitos moi distinta. Pode tratarse dun membro da escola de Is, da primeira etapa do desterro; outros pensan nunha transformación dun oráculo de Is contra Asiria, realizada durante o desterro. O oráculo contén estes elementos: invasión de Babilonia, ordenada por Deus (vv. 2-5. 14-16); descrición do día do Señor (vv. 6-10); descrición da ruína da cidade (vv. 12-22).

**13**, 5 *Cidade* (heb. "ares" ): aquí co sentido de "capital de Babel", non de terra, mundo.

**13**, 6 *Xa... Devastador!* Traducimos "xadday" por devastador, poderoso, polo xogo verbal hebreo con "xod" (= devastación).

**13**, 7 *Proxecto humano*: lit. "corazón", como sede dos plans e proxectos.

**13**, 8 A primeira frase é unha glosa clarificadora do anterior.

15Todo o que encontren será atravesado,
todo o que atrapen caerá pola espada;
16os seus meniños serán estrelados
ante os propios ollos,
as súas casas serán saqueadas,
e as súas mulleres, violadas.
17Velaí: Vou excitar contra eles os medos,
que nin estiman a prata
nin se compracen no ouro.
18Os arcos dos mozos serán esnaquizados,
pois non terán compaixón
do froito do ventre,
nin os seus ollos terán piedade dos fillos.
19Si, Babilonia, a perla dos reinos,
será adorno do orgullo dos caldeos.
Si, será coma a destrución total
de Sodoma e de Gomorra.
20Non será habitada con esplendor,
nin repoboada por xeracións e xeracións;
ningún nómade plantará alí a súa tenda,
nin os pastores
deixarán descansar os seus rabaños.
21Alí descansarán os gatos monteses
e as súas casas encheranse de mouchos;
habitarán alí os poliños da avestruz,
e darán brincos os sátiros;
22desde os pazos ouvearán os cans salvaxes,
e os chacais desde os pazos de luxo.
Si, a súa hora está próxima a chegar,
os seus días non se retrasarán.

### Oráculo sobre a volta do desterro

**14** 1Certo, o Señor
terá compaixón de Xacob,
volverá escoller Xerusalén
e faraos descansar na súa terra.
Estranxeiros xuntaranse con eles,
e asociaranse coa casa de Xacob.
2Eles collerán pobos
e levaranos ao seu lugar;
e a casa de Israel recibiraos en herdanza
coma servos e servas na terra do Señor,
e os que a fixeron cativa
serán os seus cativos:
eles dominarán os seus opresores.
3E cando o Señor te faga descansar
da túa aflición e do teu tormento
e da cruel escravitude
coa que fuches escravizado,
4entoarás este canto contra o rei de Babilonia:

### Reflexión acerca da morte dun tirano

Como acabou o opresor,
como acabou o tirano!
5O Señor rompeu a vara dos malvados,
o pau dos dominadores,
6que nos pobos con furor
mallaba sen parar,
oprimía con carraxe as nacións,
perseguíaas sen sosego.
7Xa descansa e está tranquilo
todo o mundo:
Exaltade con cantos de alegría!
8Os cipreses gritan de gozo por ti,
e tamén os cedros do Líbano:
Desde que ti caíches
xa non sobe onda nós o leñador.

**13**, 17 *Os medos* foron tribos indoeuropeas primeiro aliadas de Babilonia contra Asiria (612) e logo dos persas contra Babilonia (539), pero no século VIII non significaban nada. O mesmo dato de que non prezaban o ouro ofréceo Xenofonte na Ciropedia (V, 1. 20; cf Xer **51**, 11. 28).
**13**, 19 *Total*: lit. "divina". O hebreo usou o nome de Deus para formar os superlativos. A devastación é unha manifestación divina na guerra santa, sobre a que merece notarse o v. 3.
**13**, 20 *Nómade*: lit. "árabe", xente que nesta época constituía o fundamental das tribos nómades.
**13**, 21 Os tres animais aquí nomeados simbolizan a destrución (cf **43**, 20). Os sátiros son seres demoníacos asociados tamén á destrución.
**14**, 1-4 Aínda que non todos están de acordo, este texto débese considerar verso, a xulgar polo constante paralelismo das distintas frases. A datación desta unidade haina que situar na última época de Isaías, na que Xerusalén queda privada das cidades da Xefelah e obrigada ao tributo, a partir do 701. O oráculo salvífico serviu de introdución á sátira que segue.
**14**, 1 *Escoller*, aquí significa mostrar a "predilección por"; a partir do ano 701 Xerusalén precisa esta predilección de Iavé para devolver os cativos as terras da Xefelah e unificar baixo Xerusalén aos deportados do Norte co seu territorio.
Os *estranxeiros* que se asocian co Israel da volta do desterro serán servos dos israelitas, aínda que non piadosos iavistas.
**14**, 4 *Babilonia* aquí está por Asiria; o cambio foi realizado durante o exilio babilónico, no que se fixo unha nova lectura actualizada deste texto por parte dos membros da escola de Isaías.
**14**, 4b-23 O termo que en 4a traducimos por *canto* ("maxal") expresa a idea de comparación sobre un tema axeitado a unha reflexión sapiencial, aspecto este que está presente nos vv. 16-20. As alusións históricas son mínimas: soamente se pode pensar no v. 19, no que aparece o tema da morte sen sepultura, posible alusión ao asasinato de Sargón II no ano 705 en Korsabad. O tema central é típico de Is: a humillación do soberbio, levada a cabo por Deus. A perícope divídese deste xeito: Deus rompe a vara do tirano, dando descanso ao mundo (vv. 4b-8); humillación do tirano no xeol (vv 9-15); reflexión sapiencial sobre a súa humillación (vv. 16-21). Engadido posterior son os vv. 22-23, con referencias á caída de Babilonia, propias da escola de Is.
**14**, 5 *A vara* (= cetro), bastón de mando nas mans do tirano, convértese en pau de castigo que o Señor rompe.

[9]Debaixo treme o xeol por causa túa,
proclamando a túa chegada:
esperta os defuntos,
a todos os xefes do outro mundo.
Fai levantarse dos seus tronos
a todos os reis dos pobos.
[10]Todos eles tomarán a palabra e diranche:
Tamén a ti che tocou a nosa debilidade
e te volviches semellante a nós.
[11]O xeol fixo abaixar a túa soberbia,
deu morte ás túas loucuras.
Debaixo de ti hai un leito de bechos,
e a túa manta son vermes.
[12]Como caíches do ceo, lúa en crecente,
filla da alba!;
fuches abatido ao abismo,
vencedor dos pobos!
[13]Si, ti dicías no teu corazón:
"Subirei ao ceo,
máis alto ca as divinas estrelas
levantarei o meu trono.
Morarei na montaña
da Asemblea divina no extremo norte,
[14]subirei ao máis alto das nubes,
asemellareime ao Altísimo".
[15]Como baixas ao xeol,
ao fondo do abismo!
[16]Os que ollen para ti,
fixaranse atentamente, discorrendo:
"Este é aquel que fixo estremecer a terra,
abanear os reinos,
[17]o que converteu o orbe nun deserto
e arrasou as súas cidades,
o que non lles abría o cárcere
aos prisioneiros?".
[18]Todos os reis dos pobos,
todos descansan con gloria,
cada un na súa tumba,
[19]pero ti fuches botado lonxe da túa,
coma un fillo abominable,
cuberto de mortos atravesados a espada,
botado ás pedras do abismo,
coma cadáver tripado.
[20]Non te xuntarás con reis na sepultura,
xa que destruíches o teu país
e acoitelaches o teu pobo.
A raza dos malvados
non se nomeará xamais.
[21]Preparade para os seus fillos a degolación
pola iniquidade de seus pais,
non sexa que se levanten e tomen posesión
da terra enchéndoa de cidades.
[22]Levantareime contra eles
–así fala o Señor dos Exércitos–
e farei desaparecer de Babilonia
o seu nome e o seu resto,
a súa descendencia e a súa raza
–así fala o Señor dos Exércitos–.
[23]Convertereina
en herdanza de ourizos cachos, en lameiro,
e varrereina con vasoira de destrución
–así fala o Señor dos Exércitos.

### Oráculo contra Asiria

[24]O Señor dos Exércitos
xurou nestes termos:
"Tal como o planeei, así sucederá;
tal como o decidín, así se fará:
[25]esnaquizarei a Asiria no meu país,
esmagareino sobre a miña montaña;
retirarase o seu xugo de sobre eles;
o fardo, do seu ombreiro".
[26]Este é o proxecto decidido
sobre toda a terra,
esta é a man estendida
sobre todos os pobos.
[27]Si, o Señor dos Exércitos teno decidido:
quen o fará fracasar?
A súa man está estendida:
quen a fará volver atrás?

### Aviso dirixido á Filistea

[28]O ano da morte do rei Acaz tivo lugar
este oráculo:
[29]Non te alegres, Filistea toda,
de que xa rompeu a vara que te mallaba,

**14**, 9ss O xeol, na mitoloxía semítica, é o deus e señor de baixo-terra, onde está o espírito dos defuntos correctamente sepultados. *Outro mundo*: heb "ares" ten aquí o sentido de xeol, lugar onde están os espíritos dos mortos; nótese que está en paralelo cos defuntos. A sepultura pertence ao dominio do xeol (cf nota a **5**, 14).
**14**, 19 Non ser enterrado cos pais era a maior maldición (cf 1 Re **13**, 21-22; Xer **22**, 19). Polo contrario, "descansar cos pais" (habitual en 2 Re, para referirse á sepultura dos reis de Xudá e Israel) era signo de bendición.
**14**, 22-27 Este oráculo de castigo hai que datalo no 701, durante o asedio de Senaquerib a Xerusalén (cf **10**, 24-27; **30**, 27-33; **31**, 4-9; **39**, 22-29).
**14**, 28-33 A morte de Acaz tivo lugar no ano 716, e para a Filistea significa a posibilidade dun cambio de política favorable a unha coalición antiasiria co novo rei de Xudá, Ezequías; quizá este feito puido coincidir con algunha derrota de Sargón II (omitida nas crónicas), que favorecería a embaixada filistea. A resposta de Is é que as cousas irán para a Filistea de mal en peor, porque o inimigo do norte, Asiria, está ben organizado, e Sión será sempre refuxio de fuxitivos, porque Iavé foi quen fundou Sión.
**14**, 29 *A vara* que rompeu ten que referirse á derrota asiria e non á morte de Acaz (aínda que a tradición xudía interpretou as tres clases de serpes de xeito mesiánico, o mesmo ca a vara). Nótese o crecente perigo das serpes, que son un proverbio de que as cousas irán cada vez peor para a Filistea, xa entón dominada polos asirios.

porque da raíz da serpe
sairá unha víbora,
e o seu froito será un dragón voador.
30Pero os pequenos pacerán onda min,
e os pobres descansarán tranquilos,
pois de fame farei morrer a túa raíz,
matarei o que quede de ti.
31Xeme, porta! Clama, cidade!
Treme ti, Filistea toda!,
que veu do norte unha fumareda
e ninguén deserta dos seus escuadróns.
32Que se lles responderá
aos mensaxeiros do pobo?
Que o Señor fundou Sión
e nela poden refuxiarse
os oprimidos do seu pobo.

### Lamentación de Moab e nova corrección divina

**15** 1Oráculo de castigo sobre Moab:
Si, de noite foi saqueada;
Ar-Moab foi destruída.
De noite foi saqueada;
Quir-Moab foi destruída.
2Subiu ao templo, a Dibón;
aos santuarios dos outeiros para chorar.
No alto do Nebó e de Medebá
Moab xeme,
con todas as cabezas rapadas
e todas as barbas afeitadas.
3Polas súas rúas van vestidos de saco;
sobre as súas terrazas e nas súas prazas
todo Moab xeme, desfacéndose en bágoas.
4Hexbón e Elaleh gritan,
os seus berros óense ata en Iahas,
por isto se lle estremece o lombo a Moab,
acora sen alento.
5O meu corazón clama auxilio para Moab:
os seus fuxidos chegan ata Soar,
a terceira becerra.
Si, soben a costa de Luhit chorando,
camiño de Horonaim
lanzan berros esgazadores.
6Si, as augas de Nimrim
vólvense un sequeiro,
está seca a herba,
murchan as plantas, xa non hai verdor.
7Por isto todo o que fixeron:
as súas propiedades lévanas
ao outro lado do regato dos Salgueiros.
8Si, o clamor fai un círculo
polas fronteiras de Moab:
ata Eglaim chega o seu xemido,
a súa queixa está en Beer-Elim.
9As augas do Dimón están cheas de sangue.
Pois aínda máis lle engadirei ao Dimón:
Un león contra os fuxidos de Moab,
e contra o que queda do país!

### Esperanza dos moabitas no reino mesiánico en Xudá

**16** 1Mandade carneiros
dos señores do país,
desde o Penedo do Deserto,
ao monte da filla de Sión.
2Pois o mesmo ca os paxaros espantados
ou unha niñada escorrentada,
serán as fillas de Moab nos piares do Arnón.

**14**, 30 Os *pequenos* e os *pobres* da Filistea vivirán seguros en Xudá e en Sión, pois a seguridade de Sión baséase en que foi Iavé quen a escolleu e fundou (cf v. 33, e nota aos vv. 28-33).
**15**, 1-**16**, 13 Forman unha complexa unidade temática sobre o Moab, na que hai que distinguir unhas partes moi relacionadas con Xer **48**, 29-38 (= Is **15**, 2c-7a; **16**, 6-11), das outras partes, exclusivas de Is. As partes relacionadas con Xer non supoñen unha dependencia directa de Xer respecto de Is, xa que a organización das frases é moi distinta. En Is **15**, 2c-7a supón un movemento de dor e calamidade que se estende desde o norte ata a fronteira sur, o regato dos Salgueiros. A outra sección (**16**, 5-11) refírese ao desastre causado nas viñas de Moab plantadas da exquisita planta de "Iorec", ben que nalgún momento a planta da viña é símbolo do mesmo pobo (cf **16**, 8d). A actitude do profeta non reflicte ningún resentimento contra Moab, senón compaixón (cf **16**, 11), aínda que a acusa de soberbia (**16**, 6) e non aparecen sentimentos de vinganza polos malfeitos históricos contra Xudá, causa lóxica se o texto fose exílico, ao ter axudado Moab a Nabucodonosor no asedio de Xerusalén. Máis ben Xudá aparece nas seccións non semellantes a Xer como un refuxio para Moab (cf **16**, 1-5). Por isto cabe ter o texto por orixinario de Is, e que se refire a unha campaña de Teglatpeléser III (anos 744-727) na que somete a tributo o territorio, pois a crónica deste rei asirio fala do tributo do rei Salmano de Moab, o mesmo ca de Senaquerib (anos 704-681).
**15**, 1 As cidades *Ar-Moab* e *Quir-Moab* son distintas, aínda que "ar" e "quir" signifiquen cidade e muro de cidade; distaban entre si 15 km e estaban ao N do río Arnón.
**15**, 2-3 Describe o ritual de lamentación colectiva, usual entre os pobos do Medio Oriente para estas calamidades nacionais. Sobre o monte Nebó, cf Núm **32**, 3. 38; Dt **34**; Xer **48**, 10. 22.
**15**, 4 *Hexbón*, antiga capital do amorreo Sihón (cf Núm **21**, 25). *Elaleh*: cf Núm **32**, 3.27. Lemos *lombos* e non, coma os masoretas, "soldados", por razón do paralelismo con "respiración", sendo ambos termos a sede da forza e da enerxía.
**15**, 5 *A terceira becerra*: é unha glosa explicativa de Soar: a terceira cidade do culto a Baal (cf 1 Re**12**, 28-29).
**15**, 9 *Dimón* explícase pola asonancia con sangue (heb "dam"). O oráculo de castigo do león mandado por Deus contra os fuxitivos, non se fundamenta nunha acusación concreta. Este león alude a unha futura invasión, que poderiamos datar na época de Senaquerib xa que a súa crónica nos fala do tributo de Kammusunabidi de Moab, que bicaron os seus pés.
**16**, 1 Os *carneiros* (colectivo) mandados a Xudá poden ser un signo de submisión e demanda de axuda (cf 2 Re **14**, 7). *O Penedo* non é a futura cidade nabatea de Petra, que está moito máis ao S, senón a cidade que aparece en Xuí **1**, 36.

3 Presenta ti un plan, toma unha decisión.
Converte a túa sombra en noite
á luz do mediodía,
esconde ao fuxido,
ao escapado non o descubras.
4 Que vivan contigo coma estranxeiros
os fuxitivos de Moab.
Serás ti a súa protección ante o devastador.
Cando se acabe a opresión,
desapareza o asolamento,
e o devastador desapareza
completamente do país,
5 establecerase un trono de amor
e reinará con fidelidade na tenda de David
un que xulgue con xusto xuízo
e que sexa perito na xustiza.

**Desastre político e agrícola**

6 Oímos falar da soberbia de Moab,
da súa soberbia que vén de antigo,
da súa altiveza, do seu orgullo
e do seu furor,
das súas murmuracións
que non son verdade.
7 Por isto xeme Moab, todo Moab xeme;
polas doces uvas de QuirHarés
quéixanse os aflixidos.
8 Os campos de Hexbón están murchos
e o mesmo as viñas de Sibmah:
nas súas cepas selectas
mallaron os señores das nacións.
Chegaban ata Iazer, perdíanse no deserto,
as súas vides estendíanse, cruzaban o mar.
9 Por isto vou chorar,
ao mesmo tempo ca Iazer,
polas viñas de Sibmah.
Vouvos regar coas miñas bágoas,
Hexbón e Elaleh,
porque as cántigas desapareceron
da túa seitura e da túa colleita.
10 Desaparecen dos campos
a alegría e o xúbilo
e nas viñas non se brinca de ledicia,
non se danza co gozo.
As uvas nos baldes
xa non as pisa o pisador,
vin desaparecer a canción da vendima.
11 Por isto as miñas entrañas
tremen por Moab, coma unha arpa,
e o meu interior treme por QuirHarés.
12 Verase que se esforza Moab
por subir ao outeiro,
intenta ir ao seu santuario rezar,
pero non pode.
13 Esta é a palabra que o Señor lle falou desde antigo a Moab, 14 pero agora o Señor di así:
"Dentro de tres anos, día a día coma anos de mercenario, a gloria de Moab xunto con toda a súa xente volverase desprezable, e o seu resto será pequeniño de todo e sen poder".

**Contra a liga sirio-efraimita**

**17** 1 Oráculo contra Damasco:

*a. Reinos de Damasco e Efraím*
Velaí Damasco: deixa de ser cidade,
será unha ruína derrubada.
2 As súas cidades van ser abandonadas,
unha vez arrasadas
van ser para os rabaños,
que se tombarán nelas,
sen que ninguén os espante.
3 Acabaránselle a Efraím as fortalezas,
e a Damasco, o reino,
e o resto de Aram será semellante
á gloria dos fillos de Israel.
–É o Señor dos Exércitos quen fala.

*b. Reino de Israel*
4 Sucederá no día aquel
que a gloria de Xacob será humillada,
o orgullo dos seus praceres
quedará humillado.

**16**, 4-5 Nótese a afinidade destes vv. cos textos do Emmanuel, tanto polo período de dificultades que antecede ao período mesiánico, como polas cualificacións do seu reino e xuízo. Ten especial interese teolóxico a incorporación dos moabitas fuxitivos ao reino mesiánico.
**16**, 6-13 A lamentación de Moab pola invasión estranxeira (v. 8b) e o desastre agrícola (vv. 7-12) interprétase como un xuízo de castigo pola súa soberbia (v. 6); pero a situación volverase moito peor segundo a palabra do Señor (v. 13).
**16**, 11 *As entrañas* e *o interior* (= as vísceras do ventre), son, para os semitas, a sede dos sentimentos.
**16**, 13-14 Estes dous vv. son prosa, e por isto pódense considerar como unha glosa que alude á invasión de Nabucodonosor do 582 (cf Ez **25**, 8-11). Os anos de mercenario son anos contados día a día.
**17**, 1 Aínda que o título do oráculo non abrangue máis ca Damasco, desde o v. 3 en adiante ten como destinatarios a Efraím e mais aos fillos de Xudá. A data de todo este c. é o ano da guerra sirio-efraimita: o 734.
**17**, 2 *As súas cidades... unha vez arrasadas*: non "as cidades de Aroer", expresión que non ten sentido.
**17**, 4-6 Esta estrofa refírese, con imaxes agrícolas e forestais, á mingua futura da poboación e extensión de Israel, en castigo polo seu orgullo e culto idolátrico (cf v. 8).
**17**, 4 *O orgullo dos seus praceres...*: lit. "A graxa da súa propia carne quedará enfraquecida". A "graxa" significa a manifestación de orgullo e soberbia, e deste xeito está en paralelo con *gloria*. A carne era para o semita a sede do pracer.

5Sucederá como cando o segador
vai apreixando o trigo que está de pé,
e logo o seu brazo sega as espigas.
Sucederá como cando un recolle
as espigas na veiga dos Refaím,
6e soamente queda nela un resto,
o mesmo que cando se varea a oliveira,
e quedan dúas ou tres olivas na puntiña,
catro ou cinco nas pólas que dan froito.
–É o Señor, Deus de Israel quen fala.

7No día aquel ollará o home
para o seu Creador,
os seus ollos mirarán
para o Santo de Israel;
8non ollarán para os altares,
obra das súas mans,
nin mirarán
para o que os seus dedos fixeron:
símbolos de Axerah
e estelas dedicadas a Baal.

9No día aquel as súas cidades de refuxio
serán coma o abandono
da bouza do bosque,
que queda abandonada
polos fillos de Israel
e vólvese unha desolación.
10Ti esquecícheste
do Deus da túa salvación,
do Penedo do teu refuxio
non te lembraches,
por iso plantaches plantas de delicias
e enxertaches pugas estranxeiras.
11De día medra o teu plantío,
e pola mañá agroma o teu enxerto,
pero no intre de recoller a colleita,
desaparece.
Que dor incurable!

12Ai! Ruído de pobos numerosos;
será coma o ruído dos mares.
Retumbar de nacións,
coma o retumbar de augas poderosas.
13Si, nacións que retumbarán
como o retumbar de moitas augas.
O inimigo ameázao co ruído,
e foxe para lonxe,
é perseguido como a muíña
das montañas
ante a presenza do vento,
o mesmo ca a poeira
ante a presenza do vendaval.
14Ao chegar a tardiña, velaí o terror;
antes da mañanciña, xa non existe.
Este é o lote dos nosos saqueadores,
a sorte dos que nos queren roubar.

### Oráculo acerca de Cux

**18** 1Ai do país de barcos voadores,
que está ao longo dos ríos de Cux,
2que manda polo mar embaixadores,
sobre a auga os manda
en barcos de papiro!
Ide, áxiles mensaxeiros,
ao pobo alto e relucente,
á nación temible aquí e mais alá,
pobo poderoso, que devasta;
pola súa terra corren ríos.
3Todos os habitantes do orbe
e os que vivides na terra,
ao levantaren a bandeira nos montes,
tede medo e, ao soaren o corno,
escoitade.
4Si, así me falou o Señor:
Quedarei quieto e ollarei atento
desde o sitio onde estea:
unha calor abrasadora vén do sol,
unha nube de orballo na calor da seitura.

**17**, 7-8 O profeta, fiel á dinámica da acción punitiva e purificadora de Deus sobre Israel, ve nun futuro máis remoto a conversión de Israel ao Deus Santo, e o abandono da causa do seu castigo: os ídolos = Axerah e Baal.
**17**, 9-10 Esta estrofa volve ao tema da acusación e do castigo arredor de dúas imaxes: a do refuxio, o Penedo do teu *refuxio*, o Deus da salvación (vv. 9-10); e a do *plantío* (v. 11): xardín de plantas de delicias dedicado a Adonis-Baal-Tamuz cos seus enxertos. O abandono do bosque como consecuencia do castigo divino, débese aos plantíos idolátricos, e aos enxertos de pugas estranxeiras (un xeito de facer política ao estilo das nacións pagás: alusión á liga sirio-efraimita), pero todos estes traballos arborícolas, á hora da colleita, son infrutuosos e penosos.
**17**, 12-14 A dificultade desta estrofa consiste posiblemente en que lle falta unha frase, despois de 13a, que dea sentido e faga paralelismo con 13b, onde tiña que aparecer o suxeito dos verbos.
**17**, 12 *Pobos numerosos*: pola presenza de mercenarios nos exércitos de Siria e Israel. Estes "exércitos" compáranse ao caos das augas primordiais.
**17**, 14 Siria e Israel non pillarán outro botín ca a propia inexistencia, a súa desaparición.
**18**, 1-7 Este texto aparece sen título, e refírese a Cux, alto Exipto, na actual Etiopía. O faraón Xabaka (710-696), no ano da morte de Sargón II de Asiria (705), tivo plans de formar unha liga antiasiria, na que chegou a implicar a Xudá (cf 2 Re **18**, 21-24; **19**, 9). O texto divídese en tres partes: embaixadas da dinastía etiópica (vv. 1-3); resposta divina negativa (vv. 4-6); o v. 7 (engadido posterior, en prosa): conversión de Exipto ao iavismo.
**18**, 2 *Ide, áxiles mensaxeiros*: non se refire aos embaixadores xudeus, senón aos mesmos etíopes e exipcios, aos que invita a volver para á súa terra. A expresión *aquí e mais alá*, significa "para os de preto e para os de lonxe".
**18**, 4 A resposta de Deus é permanecer na situación anterior do pobo xudeu, fiel ao tributo pactado con Asiria. A *calor abrasadora*, significa o perigo de tal coalición; a *nube de orballo* na seitura significa que é algo enganoso e inestable.

5 Na hora da seitura,
cando a floración do viño está completa,
e a flor se volve gran verde
que vai madurar,
pódanse as vides coa coitela
e esgázanse da cepa os gallos ladróns.
6 Déixase todo xunto
para os gabiáns das montañas
e para os bechos da terra:
os gabiáns han pasar o verán sobre a cepa;
e os bechos da terra, o inverno sobre ela.
7 Nesa hora no monte de Sión presentaranlle ao Señor dos Exércitos un regalo de parte
dun pobo alto e relucente, dun pobo temible
aquí e mais alá, unha nación poderosa, que
pisa; pola súa terra corren ríos. Traerán o regalo para o santuario do Nome do Señor dos
Exércitos, ao monte de Sión.

### Oráculo contra Exipto

**19** 1 Oráculo contra Exipto:
Velaí o Señor
montado nunha nube lixeira;
vai a Exipto, tremen os seus deuses
por mor da súa presenza,
o corazón de Exipto
derrétese nos seus adentros.
2 Vou encirrar un Exipto contra o outro:
faranse a guerra, cada un co seu irmán,
cada un co seu veciño,
cidade con cidade, reino con reino.
3 Sobresaltarase o espírito de Exipto
e destruirei o seu plan,
aínda que consulten aos deuses,
aos bruxos,
aos nigromantes e aos adiviños.
4 Entregarei a Exipto no poder
de donos severos e reinará nel un rei cruel
–é o Señor dos Exércitos, quen fala–.
5 Secarán as augas da corrente,
o río secará e estiñará;
6 botarán fedor os canais,
os brazos do río no Baixo Exipto
baixarán e secarán,
a canivela e o xunco murcharán.
7 As xunqueiras de onda o río e do esteiro,
todos os campos da ribeira
secarán e desaparecerán: non serán.
8 Suspirarán os pescadores, lamentaranse
todos os que botaban o anzol no río,
esmorecerán os que largaban a rede
sobre a superficie da auga.
9 Os que traballaban o liño avergonzaranse,
as cardadoras e os teceláns
quedarán mirrados,
10 as súas tecelás andarán humilladas,
e todos os que traballan por xornal
estarán co ánimo abatido.
11 Que loucos están os príncipes de Soán,
os sabios que aconsellan ao Faraón
consellos estúpidos!
Como lle poderán dicir ao Faraón:
Eu son fillo de sabios,
fillo de reis orientais?
12 Onde están, logo, os teus sabios?
Que che mostren e dean a coñecer
o que ten planeado
o Señor dos Exércitos sobre Exipto.
13 Puxéronse loucos os príncipes de Soán,
están enganados os príncipes de Nof,
os príncipes das súas tribos
fan descarreirar a Exipto.
14 O Señor vértelles no seu interior
un espírito de confusión;
por isto abanean Exipto
con todas as súas obras,

**18**, 5 Pásase da imaxe da seitura, á da limpa dos ladróns e gomos das cepas, contemporáneos coa seitura do pan. Se temos en conta que a viña é imaxe do pobo (cf **5**, 1ss), o que aquí se poda son os afáns expansionistas de Exipto.
**18**, 6 O carácter negativo do afán expansionista de Exipto exprésase coas imaxes dos animais impuros: aves de rapina e bechos da terra. Téñase en conta que os animais non soamente farán mal aos primeiros gomos da viña, senón á mesma cepa, a Exipto.
**18**, 7 Este engadido en prosa sobre a conversión iavista dos etíopes, á vista do cumprimento do oráculo profético, é máis propia dunha nova lectura feita nos tempos do exilio en Babilonia.
**19**, 1-15 A data de composición deste oráculo está arredor do ano 716, nunha época na que os cuxitas tratan de facerse co poder en todo o Exipto, dando así orixe á XXV dinastía con Pianqui e logo con Xabaka. O parágrafo divídese nestas seccións: intervención de Iavé contra Exipto, provocando unha guerra civil e a vitoria do Alto Exipto (vv. 1-4); calamidades naturais que acompañan esta guerra civil (vv. 5-10); causas destes males: a falta de sabedoría e de coñecemento dos plans de Iavé (vv. 11-15).
**19**, 1 Isaías aplícalle a Iavé un título de Baal: "cabaleiro das nubes", facendo da nube a cabalgadura de Iavé para dirixilo a Exipto. O Exipto deste v. refírese ao Baixo Exipto, a quen os plans (corazón) se lle desbaratan.
**19**, 2 O termo *Exipto* (en heb. "Misraim") é filoloxicamente un dual, cousa que aproveita o autor para referirse ao dobre Exipto: o Alto e o Baixo.
**19**, 3 Iavé é o único Señor da historia de todos os pobos, que desfai os plans dos máis expertos.
**19**, 5-10 Esta serie de catástrofes naturais son en boa parte, consecuencia da guerra civil.
**19**, 11 *Soán* era Tanis, a antiga capital dos hiksos, no delta do Nilo, con quen tivo sempre relacións Xudá. O faraón do que aquí se trata é o sucesor da XXIV dinastía, o non cuxita Pianqui. Os reis orientais deben ser os edomitas, proverbiais pola súa sabedoría.
**19**, 12 A sabedoría pagá non chega ao coñecemento dos plans de Iavé, mentres que a eles chega a sabedoría do profeta.
**19**, 13 *Soán*: cf v. 11. *Nof* = Menfis, a capital das antigas dinastías, no Baixo Exipto.

o mesmo que cambalea
o borracho co seu vómito.
15Deste xeito non haberá para Exipto
obra que poida facer a cabeza ou o rabo,
a palmeira ou o xunco.

**Sinais da conversión de Exipto**

16No día aquel Exipto
será coma as mulleres,
abaneará e tremerá ante a man
do Señor dos Exércitos,
que a vai mover contra el.
17E a terra de Xudá converterase
en causa de vergonza para Exipto,
todo aquel que lla lembre a Exipto
sentirá temor
ao ver o que o Señor dos Exércitos
dispuxo contra Exipto.
18No día aquel haberá cinco cidades
no país de Exipto,
que falarán a lingua de Canaán,
e que farán os xuramentos
polo Señor dos Exércitos:
a unha chamaráselle a cidade do Sol.
19No día aquel haberá un altar
consagrado a Iavé no medio de Exipto,
e unha estela dedicada ao Señor
ao lado da súa fronteira,
20serviralle ao Señor dos Exércitos de sinal
e testemuño no país de Exipto.
Cando eles clamen ao Señor
pola presenza dos opresores,
o Señor mandaralles un salvador
e un xefe para que os libre.
21O Señor daráselle a coñecer a Exipto,
e os exipcios recoñecerán o Señor
no día aquel:
daranlle culto con sacrificios e oblacións,
e farán ao Señor votos, que cumprirán.
22O Señor ferirá a Exipto con ferida curable,
pois converteranse ao Señor,
que se lles mostrará propicio e os curará.
23No día aquel haberá unha calzada
desde Exipto a Asiria,
Asiria irá a Exipto e Exipto a Asiria,
Exipto dará culto xunto con Asiria.
24No día aquel Israel será igual
ca Exipto e Asiria,
será causa de bendición no medio da terra,
25pois o Señor dos Exércitos
hao bendicir nestes termos:
"Bendito o meu pobo, Exipto,
a obra da miña man, Asiria,
e a miña herdanza, Israel".

**Isaías espido e descalzo, sinal para Exipto**

**20** 1No ano no que veu o xeneral en xefe a Axdod, cando o mandou Sargón, rei de Asiria, a atacar Axdod e conquistala, 2entón falou o Señor por medio de Isaías, fillo de Amós, nestes termos: –Vai e solta o saco da túa cintura e quita as sandalias dos teus pés.

El fíxoo así, camiñando espido e descalzo. 3Logo dixo: –O mesmo que o meu servo Isaías camiñou espido e descalzo, durante tres anos, como sinal e imaxe referente a Exipto e a Cux, 4así o rei de Asiria levará os prisioneiros de Exipto e os deportados de Cux, rapaces e vellos, espidos e descalzos, e coas nádegas en coiro: a vergonza dos exipcios. 5Estarán confundidos e avergonzados por causa de Cux, a súa esperanza, e

**19**, 15 *Cabeza-rabo, palmeira-xunco*, indican os extremos sociais: as clases sociais máis altas ou as máis baixas; pero, por tratarse dun merismo, indícase que ninguén poderá facer obra útil para Exipto.
**19**, 16-25 Esta unidade marcada pola expresión "no día aquel" que encabeza os vv. 16. 18. 19 (21) 23. 24, divídese en cinco estrofas, de extensión desigual. O texto hebreo está en prosa poética, onde o paralelismo e o número de acentos non é ben cumprido. A primeira trata do temor de Exipto ante a man ameazadora do Señor; a segunda, da presenza de xudeus en Exipto en cinco cidades; a terceira trata da conversión de Exipto ao Señor, pola presenza de xudeus en Exipto; a cuarta trata da calzada sagrada de Exipto a Asiria (Babilonia), que se xunta en Xerusalén; e a quinta é unha actualización da bendición de Abraham de Xén **12**, 3 referida a Exipto e Asiria (= Babilonia). Este universalismo salvífico está máis preto do II Is ca do I Is. Por outra parte a referencia do v. 19 ao altar de Iavé en Exipto non ten outra explicación que a referencia ao altar da colonia de soldados xudeus, ás ordes de Babilonia, en Elefantina, preto de Asuán, no Alto Exipto, que nos é coñecida polos papiros aí atopados. A datación deste texto ten que cadrar co segundo cuarto do século VI, antes do II Is, e de man distinta do II Is, aínda que da mesma escola isaiana.
**19**, 18 As *cidades* de que aquí se trata, teñen que ser Elefantina e Heliópolis, ("cidade do sol"), e tres máis, non concretadas.
**19**, 20 Os *opresores* son os caldeos de Babilonia.
**19**, 21 Nótese a presenza enfática e teolóxica da expresión "no día aquel", que se refire ao momento da intervención salvífica de Deus.
**19**, 23 *Dará culto*: de acordo co contexto, o culto será a Iavé en Xerusalén.
**19**, 24 Lit. "Será un terzo con respecto a Exipto e Asiria".
**20**, 1-6 Trátase do único xesto simbólico de Is. Acontece no ano 711. O comportamento externo do profeta ao estilo dos prisioneiros de guerra, interprétase no oráculo como sinal para Exipto, que sufrirá a mesma sorte.
**20**, 1 *Xeneral en xefe* é a tradución do vocábulo "tartán", que designa o cargo máis importante do exército asirio (cf 2 Re **18**, 17).
**20**, 3-4 *Espido e descalzo*: os vestidos eran sinal distintivo da persoa libre e da súa profesión. Así, Isaías quita o saco (tea áspera feita de esparto), porque os prisioneiros de guerra ían espidos e descalzos, en sinal de falta de liberdade e personalidade.

por causa de Exipto, a súa gloria. 6E dirán os
habitantes daquela costa no día aquel: "Vede
como quedou a nosa esperanza, a onde co-
rriamos por axuda para nos librarmos da pre-
senza do rei de Asiria, e, como escaparemos
nós?".

### Caída de Babilonia

**21** 1Oráculo contra o deserto marítimo:
Como o furacán atravesa polo sur,
vindo do deserto, da terra terrible,
2así déuseme a coñecer
unha visión cruel.
O traidor está traizoando,
o saqueador está saqueando:
Sube, Elam, asedia, Media,
que xa acabei con toda a súa soberbia!
3Por isto os meus riles
retórcense de angustia,
apértanme dores coma as da parturiente.
Retórzome polo que vin,
estou estarrecido polo que oín.
4Túrbaseme o sentido, cólleme un tremor,
a mesma frescura da tardiña, tan agradable,
vólveseme terror.
5A preparar a mesa, a estender o mantel,
a comer e a beber:
Póndevos de pé, príncipes,
brunide os escudos.
6Si, díxome así o meu Señor:
"Vai e fai estar de pé ao vixiante,
que dea a coñecer o que vexa.
7Cando vexa carros, tiros de cabalos,
carros de burros, carros de camelos,
que espreite con atención,
con moita atención".

8Entón o vixiante exclamou:
"Na vixilancia, meu Señor,
mantéñome de pé durante o día,
na miña garda
eu estou firme todas as noites;
9e, velaí vén: un carro, tiros de cabalos".
Entón un colleu a palabra e dixo:
"Caeu, caeu Babilonia,
e todas as imaxes dos seus deuses
esnaquizáronse contra a terra".
10A miña malla e o froito da miña eira!
O que oín de parte do Señor dos Exércitos,
Deus de Israel, déivolo a coñecer.

### A liberación de Dumah

11Oráculo sobre Dumah:
Alguén berra por min desde Seir:
"Sentinela, que tal a noite?
Sentinela, que tal a noite?".
12A sentinela responde:
"Chegou a mañanciña e tamén a noite.
Se queredes preguntar, preguntade;
dade a volta, vide".

### A sorte das cidades e tribos árabes

13Oráculo sobre o deserto:
Entre a bouza da estepa pasade a noite,
caravanas de dedanitas.
14Levade auga ao encontro do sedento,
habitantes da cidade de Temá;
ofrecédelle ao fuxido o seu pan.

**20**, 6 A presenza da Filistea e de Xudá, favorables a Exipto, significaba a protección de Exipto respecto das potencias asiáticas.
**21**, 1-10 Toda a pasaxe vén presentada coma unha visión espiritual profética (vv. 2.9) sobre a caída de Babilonia, ante medos e persas (= Elam). O traidor (v. 2) é o mesmo pobo de Babilonia, que se opuxo ás reformas relixiosas do último rei, Nabónid. Seguen (vv. 3-5) unha serie de expresións de dor e angustia pola caída, que se compara a un banquete xa servido: por iso únese o banquete co untar dos escudos. Nos vv. 6-10 a visión vólvese dramática, pois intervén un vixiante e mais un mensaxeiro, que transmite o oráculo cume dos vv. 9b-10. A datación e autoría do oráculo é a do II Is.
**21**, 1 *O Deserto Marítimo* probablemente era a ribeira do Éufrates, ao sur de Babilonia.
**21**, 3-4 Sorprenden estas expresións de angustia, pois a caída de Babilonia é algo moi positivo para o pobo deportado; con todo, hai que ter en conta a sensibilidade especial do profeta, para quen a ruína leva consigo mortes e outros sufrimentos.
**21**, 9 O que na visión colle a palabra é un anxo que transmite a mensaxe de Deus.
**21**, 10 *A miña malla...* son dous vocativos, que se refiren aos piadosos desterrados xudeus, que son a colleita de Deus, froito da conversión interior realizada coa axuda dos distintos grupos proféticos e da liturxia sinagogal, que entón comezaba. Estes grupos son os destinatarios da mensaxe divina de liberación.
**21**, 11-12 A cidade-reino de *Dumah* era unha das vilas do deserto arábigo próximas a Edom. Toda a rexión montañosa de Edom chamouse "campo de Seir"; e, na mesma rexión desértica máis para o leste, Dumah. Aínda que a historia desta cidade estivo mesturada coas campañas asirias, tamén o estivo coa dominación babilónica, pois o seu último rei Nabónid, deixando a seu fillo Baltasar no reino, dedicouse ás campañas militares máis ao sur, residindo en Temá. Nos tempos de Isaías a referencia a esta Dumah non tiña sentido; pero, coa caída de Babilonia, tiña todo o seu sentido de liberación, e era ben coñecida polos deportados; por outra parte, a proximidade no estilo e vocabulario cos vv. 1-10, aconsella esta datación.
**21**, 12 *Dade a volta, vide*: posible chamada á conversión e á escoita da mensaxe profética, e cando menos, á liberación da tiranía babilónica (pois os persas deron liberdade ás poboacións sometidas).
**21**, 13-17 Trátase de dúas pezas literarias moi diferentes das anteriores e entre elas mesmas. A primeira (vv 13-15), en verso, supón unha incursión asiria de sometemento respecto das caravanas árabes de Dedán: os fuxitivos terán que recibir os auxilios habituais da cidade de Temá. Estas incursións asirias tiveron lugar no 732, despois de que Teglatpeléser tomou Damasco, aínda que Sargón II, no 715, repite esta mesma batida contra as tribos (cida-

15 Si, foxen da presenza das espadas,
da espada desenvaiñada,
afástanse do arco,
escapan do fragor da guerra.

16 Pois así falou o meu Señor: Despois dun
ano, día a día, toda a gloria de Quedar desaparecerá. 17 E o resto dos arqueiros, fillos de
Quedar, será ben pequeno. Si, díxoo o Señor,
Deus de Israel.

### A morte, expiatoria dos pecados de Xerusalén

**22** 1 Oráculo do val da Visión:
Que che pasa agora,
que con todos os teus
estás subido nas terrazas?
2 Está chea de ruído
a cidade rebuldeira, a vila festeira.
Os teus caídos non son acoitelados
coa espada, nin mortos na guerra.
3 Todos os teus xefes fuxiron á vez,
foron collidos co arco.
Todos os que te pillaron,
foron collidos xuntos, escapaban lonxe.
4 Por isto dixen: "Non olledes para min,
que vou amargar con choros;
non vos empeñedes en consolarme
pola desolación da filla do meu pobo".
5 Porque o día da confusión,
do esmagamento e do escarnio
vén do meu Señor, Deus dos Exércitos.
No val da Visión derrúbase unha muralla,
os berros diríxense á montaña.
6 Elam levantou a alxaba,
homes en carros de cabalos,
Quir destapa os escudos.
7 Carros e cabalos encheron
o mellor da túa varcia,
tomaron posición xunto á porta,
8 e puxeron ao descuberto
a defensa de Xudá.
No día aquel ollastes
para o arsenal da Casa do Bosque,
9 vistes as brechas da cidade de David
–cantas eran!–
e xuntastes as augas do estanque de abaixo.
10 Contastes as casas de Xerusalén
e botastes algunhas abaixo,
para facer inaccesible a muralla.
11 Fixestes unha presa entre os dous muros,
para a auga do estanque antigo;
pero non ollastes para quen a facía,
nin vistes a quen desde lonxe a ideaba.

12 No día aquel o meu Señor, Deus de Israel,
fixo unha chamada ao pranto
e á lamentación,
a raparse e vestirse de saco.
13 Pero velaí: vós, xúbilo e ledicia:
matar becerros, sacrificar reses,
comer carne e beber viño.
"A comer e beber,
que mañá imos morrer".
14 Pero o meu Señor, Deus dos Exércitos,
reveloume ao oído:
Esta iniquidade non vos será expiada
ata que morrades,
–díxoo o meu Señor, Deus dos Exércitos.

### Caída de Xebná e subida e caída de Eliaquim

15 Así falou o meu Señor, Deus dos Exércitos:
Ponte de camiño
e entra onda ese mordomo, Xebná,
que está á fronte da casa do rei, e dille:
16 Que tes ti aquí? A quen tes ti aquí,

des) árabes. A segunda peza é prosa rítmica, e diríxese ás tribos beduínas de Quedar, ao NO das cidades indicadas. Os beduínos destas tribos eran xeralmente mercenarios asirios: por isto, a datación do oráculo resulta insegura, podendo acontecer no 732, no 721 ou no 711. A finalidade das dúas pezas é mostrar a Iavé como Señor da historia.

**21**, 16 *Día a día*: lit. "como ano de mercenario"; cf nota a **16**, 13-14.

**22**, 1-14 Este texto haino que datar pouco despois da retirada de Senaquerib do asedio de Xerusalén, no 701. É unha acusación da falta de acollida da mensaxe penitencial de Isaías como resposta espiritual á liberación da cidade. A ledicia festiva non é xusta cando se viu a man de Deus (v. 11) e cando se precisa a conversión. O texto conclúe cun oráculo de anuncio de castigo (v. 14). No texto distínguense verbos en pasado, que relatan a situación calamitosa do asedio de Xerusalén, e verbos en presente, que expresan a ledicia da cidade. No medio dos dous tempos está a chamada á penitencia, do v. 12, que non ten resposta e remata co oráculo de castigo do v 14.

**22**, 1 O título: "Oráculo do val da Visión", tomado do v. 5, é, sen dúbida, o nome profético dalgún dos vales que rodean Xerusalén. Alí probablemente tivo lugar o oráculo-visión dos vv. 5-7, relativo ao asedio de Xerusalén, que, en acabando, se vai incorporar a estoutra unidade de oráculo de castigo (v. 14).

**22**, 8b-11 Constitúe unha nova estrofa que recolle o tema dos vv. 4-8a, encabezada pola expresión "no día aquel", e que presenta a Deus como o autor de toda a obra defensiva da cidade.

**22**, 12-14 Esta estrofa presenta tres situacións relacionadas entre si: a) chamada divina á liturxia penitencial; b) desobediencia á chamada de Deus, cun certo cariz materialista e hedonista; c) para concluír co oráculo no que se di que o pecado do pobo se ten que expiar coa morte.

**22**, 15-25 Trátase do único texto de Isaías que contén oráculos de xuízo de castigo individual. *Xebná* e *Eliaquim* pertencen os dous ao reinado de Ezequías. Xebná quedou reducido a secretario do rei, mentres que Eliaquim foi o mordomo do palacio (cf 2 Re **18**, 26. 37; **19**, 2 par., xunto con Is **36**, 3. 11. 22; **37**, 2).

pois cavaches aquí unha sepultura para ti?
Estás cavando no alto a túa sepultura,
tallando na pedra o lugar de descanso.
17Velaí: o Señor
vaite estender ben estendido, valente,
e logo vaite envolver, 18vaite enrolar ben,
e facerte rolar coma unha pelota
cara a un país de anchas fronteiras.
Alí vas morrer,
alí irán as túas gloriosas carrozas,
vergonza do pazo do teu Señor.
19Chimpareite do teu posto no cume,
botareite abaixo do teu pedestal.
20Sucederá no día aquel,
que chamarei ao meu servo,
Eliaquim, fillo de Hilquías.
21Farei que vista a túa túnica,
e fortalecereino co teu cinto
e porei na súa man o teu posto de mando:
será un pai para os habitantes
de Xerusalén e para a casa de Xudá.
22Porei a chave da casa de David
sobre o seu ombreiro:
abrirá, e non haberá quen feche;
e fechará, e non haberá quen abra.
23Cravarei a caravilla da súa tenda
nun lugar seguro,
e será trono de gloria
para a casa de seu pai.
24Colgarase nel todo o peso da casa de seu pai ramas e follas, todos os cacharros pequenos, desde as cuncas ata os pucheiros. 25No día aquel –é o Señor dos Exércitos quen fala– abaneará a caravilla cravada en lugar seguro, fallará e caerá, e esnaquizarase todo o peso que estaba sobre ela, porque o dixo o Señor.

### Lamentación e sentido teolóxico da caída de Tiro

**23** 1Oráculo contra Tiro:
Facede lamentación vós,
barcos de Tárxix,
que o porto de refuxio
quedou esnaquizado.
De volta do país de Kitim
foille revelado isto a Tárxix.
2Chorade, habitantes da costa,
traficantes de Sidón.
Os teus mensaxeiros
cruzan por augas abundantes:
3a semente de Xihor
viña da colleita do Nilo,
a súa ganancia era o comercio cos pobos.
4Avergónzate Sidón, que fala o mar,
o refuxio de Iam, nestes termos:
"Non me retorcín de dor nin te dei eu á luz:
nin criei fillos xa mozos,
nin saquei adiante fillas mozas".
5Cando pasa a noticia aos exipcios,
retórcense de dor, coa noticia de Tiro.
6Cando pasa a Tárxix,
os habitantes da costa fan lamentación.
7É isto causa de alegría para a vosa cidade
que ten a orixe nos días remotos,
e pés que a levarán lonxe
a vivir de emigrante?
8Quen planeou isto contra Tiro,
que distribuía coroas,
cando os seus comerciantes eran príncipes
e os seus traficantes honrados no mundo?
9O Señor dos Exércitos foi quen o dispuxo,
para humillar o orgullo do seu esplendor,
para facer desprezables

**22**, 18 *Vergonza*, pois mostran o abuso na administración da casa real.
**22**, 21 Os vestidos distintivos na antropoloxía semítica son sinais de poder ou de clase social. *Pai*: tanto en Akad como en Exipto era título do rei, que tiña a obrigación de protexer os súbditos. Aquí é función e título delegados polo rei.
**22**, 22 A *chave* do pazo do rei significa o poder delegado sobre o pazo e o reino, pois pode abrir e pechar. Mt **16**, 19 aplícallo a Pedro; e Ap **3**, 7 aplícallo a Xesús resucitado.
**22**, 23 *A caravilla da tenda* de beduínos e pastores é aquí símbolo da seguridade de Eliaquim, pois é a que sostén a tenda do pastor-rei.
**22**, 24 Empeza aquí un texto en prosa, que empata co anterior; pero a caravilla que sostén a tenda convértese en gancho onde se colgan os útiles da cociña, ademais das ramas e follas aromáticas empregadas no condimento das comidas; pero todo isto vén ser un símbolo do nepotismo levado a cabo por Eliaquim, que foi a causa da súa caída.
**23**, 1-18 Este c. está formado por unha lamentación á caída do grande porto de Tiro no 587/86 a mans de Nabucodonosor, pois chámaselle no v. 13 "a cidade dos caldeos". Asiria (v. 13) equivale a Babilonia, pois é Babilonia quen se fai co imperio asirio. A Tiro considéraselle relacionada con Iam (o Mar, v. 11) e con Canaán. Sidón aquí non equivale á cidade, senón á nación fenicia. O Tárxix (barcos dos que se fala) debe ser o Tartesos hispano da beira do Guadalquivir, pois dise que os pés dos de Tárxix levan lonxe a vivir como emigrante. Todas estas referencias xeográficas, ademais das referencias a Exipto e a Kittim (= Chipre, nas costas do mar Exeo), aluden ao espléndido comercio de Tiro con estes pobos, e as ganancias destes provocan en Tiro unha actitude de orgullo, que o Deus da historia castigará (vv. 8-12). Os vv. 15-18 son un engadido en prosa do final do exilio babilónico, pois os 70 anos do v. 15 teñen que aludir a esta experiencia compartida con Xudá. O cantar da prostituta serve para introducir o tema da volta ao comercio cos pobos pagáns; pero as ganancias dese comercio serán para o templo de Iavé, Deus único que dirixe a historia de todos os pobos.
**23**, 3 O nome *Xihor*, en paralelo co Nilo, é un segundo nome do rei exipcio.
**23**, 4 *O mar é refuxio de Iam*. O vocábulo hebreo traducido por mar é "iam". O segundo "Iam" do texto refírese á divindade cananea Iam, monstro das augas do mar, que ten o seu, refuxio en Tiro. Nega este deus que Tiro sexa fillo seu, e polo tanto inexpugnable.

a todos os nobres do mundo.
10Pasa ao teu país,
que eu lle puxen emboscada a Tárxix
e xa non hai porto de refuxio.
11A miña man estaba estendida contra Iam,
fixo tremer os reinos.
O Señor ordenou que a Canaán
lle destruísen as prazas fortes,
12e dixo: Non volverás a alegrarte,
moza maltratada, filla de Sidón;
aínda que vaias a Kitim,
tampouco alí haberá descanso para ti.
13A mesma cidade dos caldeos non será
para ti. Asiria fundouna para os barcos.
Ergueron as torres de asalto, arrasaron os
seus castelos, volvérona unha ruína.
14Facede lamentación, barcos de Tárxix,
que o voso porto de refuxio quedou es-
naquizado.

**A liberación de Tiro**

15Sucederá no día aquel, que Tiro quedará esquecida durante setenta anos. Pero nos anos doutro rei, ao cabo dos setenta anos, sucederalle a Tiro coma no cantar da prostituta:
16"Colle a arpa, dálle a volta á cidade,
prostituta esquecida.
Toca ben a arpa, alonga o teu cantar
para que sexas lembrada".

17E sucederá ao cabo dos setenta anos que o Señor visitará Tiro, e Tiro volverá facer a súa ganancia de prostituta. Prostituirase con todos os reinos que hai sobre a superficie da terra. 18A súa ganancia no comercio e a súa paga de prostituta consagraralla ao Señor. Non se almacenará nin amoreará, senón que a súa ganancia será para os que habitan ante a presenza do Señor: comerán e fartaranse e vestirán esplendidamente.

## APOCALIPSE GRANDE

**I. Deus fai xustiza arrasando o mundo:**

A. *Xuízo cósmico de Deus*

**24** 1Velaí o Señor:
arrasa a terra e devástaa,
revolve a súa superficie
e dispersa os seus habitantes:
2Aconteceralles isto aos sacerdotes
o mesmo ca ao pobo,
ao servo o mesmo ca ao seu señor,
á serva o mesmo ca á súa señora,
a quen compra coma a quen vende,
a quen presta coma a quen recibe prestado,
ao debedor o mesmo ca ao acredor.
3A terra quedará
totalmente asolada e saqueada.
Si, o Señor decidiu estas cousas.

**Lamentación polo asolamento do mundo e da cidade da nada**

4Está de loito, murcha a terra;
está reseco e murcho o orbe,
están resecos tanto o que está arriba
coma a terra.
5A terra está profanada
baixo os pés dos seus habitantes,
porque quebrantaron leis,
pasaron por enriba dos preceptos,
romperon a alianza eterna.

**24** Os cc. **24-27** adóitanse intitular *Grande apocalipse de Isaías*, para distinguilos dos cc. **34-25**, chamados "pequena apocalipse". Algúns autores evitan este título, porque aínda non se ven nel todos os sinais da apocalíptica posterior, tales como a vida no máis alá, a organización da anxoloxía; pero o coidado na composición do texto, a temática da esperanza nunha época histórica salvífica, a contraposición entre a cidade inimiga que cae e a cidade de Xerusalén (= o reino de Deus), a alusión á resurrección dos membros do pobo de Deus, o ambiente de humillación do pobo de Deus e as perspectivas de esperanza de seren liberados por Deus, son razóns que xustifican este título. Dividimos a obriña en tres partes, cunha primeira sección A) de castigo purificador; e unha segunda parte B) de celebración litúrxica deste castigo que resulta liberador para o pobo de Deus:
I) **24**, 1-**25**, 8; A) **24**, 1-23; B) **25**, 1-8.
II) **25**, 9-**26**, 19; A) **25**, 9-26; B) **26**, 7-19.
III) **26**, 20-**27**, 13; A) **26**, 20-27, 1; B) **27**, 2-13.

A data desta composición podémola situar pouco despois da caída de Babilonia nas mans do rei persa Xerxes I, no ano 485, aínda que parece haber partes moi antigas que foron reelaboradas para esta composición litúrxico-sinagogal. As partes máis antigas indícanse nas notas. O seu autor debeu vivir en Babilonia, a xulgar polos textos de **26**, 2. 15. 20.
**24**, 1-3 Anuncio de castigo contra a terra, decidido por Deus (v. 3b), ante a maldade humana (v. 5). Este arrasamento refírese á terra e aos seus habitantes, pois a sorte do cosmos está vinculada á moralidade do home.
**24**, 4-13 Literalmente é unha lamentación ou descrición das calamidades. A razón das mesmas ponse na inmoralidade da sociedade, e, máis en concreto, da "cidade da nada" (a cidade pagá e idolátrica): cf nota ao v. 10.
**24**, 5 *A alianza eterna*: non é a mosaica, senón a que ten a súa orixe nos comezos, e que afecta a toda a humanidade (cf Xén **9**, 1-17). Por iso o xuízo é cósmico.

6Por isto a maldición devorou a terra,
e son culpables os que habitan nela,
por isto se consomen
os habitantes da terra:
queda só un pequeno resto.
7Está de loito o viño novo, murchou a viña,
laméntanse todos os de alegres ilusións.
8Acabouse o xúbilo dos pandeiros,
rematou o ruído dos ledos,
acabouse o son xubiloso da arpa.
9Co canto xa non beberán viño,
o licor xa non fará tusir aos que o beben.
10Quedou asolada a cidade da nada,
todas as casas quedaron pechadas,
ninguén entrou nelas;
11a lamentación polo viño resoou nas rúas,
desapareceu toda a ledicia,
o xúbilo da cidade foi deportado.
12Soamente quedou na cidade a desolación,
a porta está arrasada.
13Certo, así acontecerá no medio da terra,
no medio dos pobos,
coma no vareo da oliva,
coma nos rebuscos
cando acabou a vendima.

**Cantos de loanza ao Deus Xusto**

14Eles levantarán a súa voz,
aclamarán a grandeza do Señor,
exultarán desde o mar,
15por isto glorificarán ao Señor
no nacente do sol;
nas costas do mar o Nome do Señor,
Deus de Israel.
16Desde as beiras da terra
oímos alegres cantares: Gloria ao Xusto!

**Repercusión universal da maldade humana**

Pero eu pensei: Pobre de min!
Pobre de min! Ai de min!
Os impíos seguen cometendo maldades;
si, seguen cometéndoas!
17Terror, cova, trampa están sobre ti,
habitante da terra!
18E sucederá que o fuxitivo do terror
caerá na cova,
e quen sae do medio da cova
caerá na trampa.
Si, as xanelas que hai na altura féchanse
e abalan os alicerces da terra.
19Estoupando, rómpese a terra;
parte en anacos, estremécese toda.
20Cambalea a terra coma un borracho,
móvese dun lado para outro,
coma se fose unha tenda improvisada,
pois pesa sobre ela a súa rebeldía:
caerá e non se volverá a erguer.

**Xuízo de Deus sobre os reis e reinado de Deus en Sión**

21Sucederá no día aquel
que o Señor lles pedirá contas
arriba ao exército de arriba,
e na terra aos reis da terra;
22serán amoreados presos no pozo
e pechados no cárcere,
e despois de moitos días
pediránselles contas.
23A lúa chea virará rubia de vergonza,
e o sol do mediodía
quedará branco de estupor.
O Señor dos Exércitos
reinará no monte de Sión e en Xerusalén:
e a gloria aparecerá ante os seus anciáns.

**24**, 10 *A cidade da nada*: pódese referir a Babilonia (arrasada no 485 polo rei persa Xerxes), pois de feito Babilonia seguiu na tradición apocalíptica sendo a cidade inimiga (Ap **17**, 5). Outros autores pensan en Tiro, conquistada polos gregos no 332. Esta cidade é a mesma de **25**, 2; **26**, 5, en oposición a Xerusalén, citada en **26**, 1; **27**, 10.
**24**, 13 A colleita e o rebusco foron na literatura profética e apocalíptica imaxes do xuízo de Deus.
**24**, 14-16 *Eles*: refírese á comunidade xudía total, sexa a que, como o autor, segue vivindo en Babilonia "no nacente do Sol", sexa a que vive en Xudá. As expresións *desde o mar* (o poñente) e *desde as beiras da terra*, aluden aos deportados de Israel ao norte de Asiria e ás colonias de Exipto. *O Xusto* é o Deus de Israel, que mostra a súa grandeza castigando o pobo opresor.
**24**, 16b-20 Coa caída de Babilonia non se acaban as maldades de rebeldías. Iso terá repercusións terroríficas nos mesmos xustos, e conseguintemente, no cosmos asociado á humanidade.
**24**, 18 A alusión en merismo ás fiestras na altura, alude á choiva; e o abaneo dos alicerces da terra refírese aos terremotos. Mesmo así, no merismo están incluídas todas as convulsións humanas e sociais, como consecuencia da rebeldía do ser humano.
**24**, 20 *Improvisada*: lit. "para pasar a noite".
**24**, 21-23 Esta sección é unha tipificación apocalíptica, pois distínguese o dobre plano *de* arriba e *da terra*, de xeito que as realidades humanas terreas teñen un arquetipo paralelo no mundo celeste. Estes reis da terra son pechados no *cárcere*, no *pozo*, onde esperan as contas de Deus. Este cárcere parécese máis ao inferno ca ao xeol, pois esperan o xuízo de Deus que se ten de manifestar na historia.
**24**, 23 A lúa e o sol non se nomean cos termos habituais hebreos, senón cos termos propios das divindades astrais inimigas do reino de Deus (cf Dn **10**, 13. 20. 21), que se poden identificar co *exército de arriba*, do v. 21. O reinado do Señor supón a humillación destes valores pseudorrelixiosos.

B. *Himno á acción de Deus na transformación do seu pobo*

**25** [1]Señor, ti es o meu Deus:
enxálzote, loo o teu Nome,
porque realizaches plans marabillosos,
a túa fidelidade vén de lonxe.
[2]Si, convertiches a cidade
nunha morea de pedras;
a fortaleza, nunhas ruínas;
a cidadela dos soberbios desapareceu,
endexamais non será reconstruída.
[3]Por isto un pobo forte hate glorificar,
a capital de pobos poderosos
mostrarache o seu respecto,
[4]pois fuches refuxio para o pobre,
e para o miserable na súa angustia
acubillo para escapar da tormenta,
sombra para se librar da calor.
Pois o resollo dos poderosos
é como a tormenta no inverno,
[5]coma forte calor na terra reseca.
Acabarás co tumulto dos soberbios,
coma nube espesa coa calor:
o canto de triunfo dos poderosos
será humillado.

**O banquete do Reino de Deus**

[6]Nesta montaña o Señor dos Exércitos
ofreceralles a todos os pobos
un banquete de boas talladas,
de viños anellos,
carnes ben condimentadas, viños refinados.
[7]Destruirá nesta montaña
o veo que tapa a todos os pobos,
a cuberta que cobre a todas as nacións.
[8]O meu Señor, Deus dos Exércitos,
destruirá a morte para sempre,
enxugará as bágoas de todas as caras,
afastará de todo o país
a vergonza do seu pobo.
Si, díxoo o Señor.

**25**, 1-5 Cantar litúrxico-apocalíptico á acción de Deus de reinar en Sión, pois contraponse a cidade fortificada, convertida en ruínas (v. 2), coa capital dos pobos poderosos, composta de pobres e miserables (vv. 3-4). O poder e grandeza do reino de Deus non provén dos elementos humanos, senón da acción de Deus neles. A grandeza das obras humanas pasará pola ruína, para que Deus poida facer a súa obra.
**25**, 6-8 Nestes vv. preséntanse en forma de oráculos salvíficos o reino de Sión: dun xeito positivo, coa imaxe dun banquete espléndido e para todos os pobos (v. 6); e de xeito negativo, coa destrución por parte de Deus do veo de loito e de dominio do deus mítico Mot, ao que se lle atribúe todo o que fai chorar e avergonza a un (vv. 7-8).
**25**, 6 As *boas talladas*, lit. "carnes gordas": eran as preferidas para os semitas, ata o punto de que a graxa dos sacrificios estaba reservada á divindade.
**25**, 7 *O veo* e *a cuberta* que cobre as nacións é a expresión do sufrimento, persecución e morte segundo os grupos apocalípticos, de xeito que o termo "apocalipse" significa retirar o veo, o sufrimento e a persecución.
**25**, 9-12 A alusión ao esmagamento de Moab (vv. 10b-12) é un oráculo de castigo contra Moab da época postexílica (cf as diferenzas con Is **15**,1-**16**, 13 e notas). O autor apocalíptico incorporouno a este lugar, pola participación de Moab a carón de Babilonia na caída de Xerusalén, e para contrastar a caída de Moab coa vila forte (= Xerusalén: **26**, 1 ss). Os vv. 9-10a son do autor apocalíptico, pois a esperanza e a ledicia pola salvación, así como a alusión a *esta montaña*, é característica da grande apocalipse de Isaías.

**II. A esperanza do crente**

A. *A caída de Moab é signo apocalíptico*

[9]No día aquel dirase:
Ollade, este é o noso Deus,
esperamos nel: El hanos salvar.
Este é o Señor, esperamos nel, gozaremos
e alegrarémonos coa súa salvación.
[10]Si, a man do Señor descansa
sobre esta montaña;
Moab será esmagada no seu sitio,
coma a palla na morea de esterco.
[11]O Señor estenderá no medio del
as súas mans,
como fai o nadador cando nada.
Así humillará o seu orgullo,
aínda que el erga as mans.
[12]O empinado e a altura das súas murallas
abaixarase, virase abaixo,
será tirado por terra, estrado no po.

**A vila forte de Deus**

**26** [1]No día aquel entoarase
este cantar no país de Xudá:

"Temos unha vila forte,
El ponlle de defensa parede e muralla.
[2]Abride as portas e que entre un pobo xusto,
que garde a fidelidade.
[3]Con plan firme ti creas a felicidade
dos que confían en ti.
[4]Confían no Señor para sempre,
si, no Señor;
o Señor é Rocha para sempre.
[5]Pois abate os habitantes da altura,
á cidade alta faina abaixar,
faina abaixar ata a terra,
déixaa estrada no po.
[6]Pisarana os pés: os pés do oprimido,
as pisadas do pobre".

**26**, 1-6 Esta unidade é continuación de **25**, 9-10a, e ten a misión de contrastar a vila forte (Xerusalén), aberta a un pobo xusto, que confía en Iavé, coa caída da "cidade inimiga" (Babilonia e Moab xuntas).
**26**, 2 *Fidelidade* (heb. "emunim") refírese á fidelidade de Deus no cumprimento das promesas que lle fixera ao pobo.
**26**, 3 *Felicidade* (heb. "xalom"): paz, fartura, plenitude...

B. *Salmo sapiencial–apocalíptico*

7 O vieiro do xusto é a rectitude,
ti achanzas o camiño dereito do xusto.
8 Camiñando nos teus xustos decretos,
Señor, esperamos en ti,
a nosa arela é o teu Nome
e a túa lembranza.
9 O meu alento anhélate de noite,
o espírito nas miñas entrañas
madruga por ti.
Cando os teus xustos decretos
se cumpren na terra,
aprenden xustiza os habitantes do mundo.
10 Aínda que o malvado se vexa favorecido,
non aprende a xustiza,
no país da rectitude obra mal
e non recoñece a grandeza do Señor.
11 Señor, a túa man está levantada,
pero non a ven;
que se avergoncen ao veren o celo
polo teu pobo.
Si, o lume destinado aos teus inimigos,
consumiraos.
12 Señor, concederasnos a paz,
pois todas as nosas empresas
es ti quen as leva a bo termo.
13 Señor, noso Deus,
señores alleos a ti mandaron en nós;
pero soamente de ti nos lembraremos,
do teu Nome.
14 Os mortos non vivirán,
os defuntos non se levantarán.
Pedíchesslles contas,
fixéchelos desaparecer,
borraches a súa lembranza.
15 Señor, ti aumentaches o pobo,
aumentaches o pobo e engrandecícheste ti,
ancheaches todas as fronteiras do país.
16 Señor, na angustia buscámoste:
a angustia e a humillación
foron a túa lección para nós.
17 O mesmo que a muller
que está para dar a luz
se retorce e berra nas dores,
así fomos nós por causa da túa presenza,
Señor.
18 Concebimos, retorcémonos,
e damos a luz vento;
pero non producimos a salvación do país,
nin damos a luz reis do orbe.
19 Revivirán os teus mortos,
o meu cadáver resucitará,
espertarán e brincarán de alegría
os habitantes do po.
Rosada de nacementos é a túa rosada,
o xeol dará a luz os mortos.

## III. A salvación chega xa

A. *Protección do pobo de Deus e castigo da cidade inimiga*

20 Ven, meu pobo, entra nas túas habitacións
e pecha as portas detrás de ti,
escóndete rapidamente un pouquiño
ata que pase a ira.
21 Porque, velaí o Señor
que sae do seu santuario,
para castigar a iniquidade,
a débeda do que reina na cidade.
A cidade descubrirá o sangue que verteu
e non agachará de novo os seus asasinados.

**26**, 7-19 Esta unidade literaria é un comentario aos vv. 1-6, en clave sapiencial e con importantes anotacións apocalípticas: o xusto é sabio (pois aprende as leccións que Deus lle ensina na historia da salvación), pero o malvado é incapaz de aprender da historia. O xusto espera no Señor e anhélao con todas as súas forzas; pero os malvados, unha vez mortos, non revivirán (v. 14), pois están privados da verdadeira vida e da felicidade, ao revés do que acontecerá cos que acollen a sabedoría de Deus e confían nel.

**26**, 9 Nótese o paralelismo entre o *meu alento* o noso anhelo(= "néfex") e o meu *espírito*. O espírito ten aquí o sentido da tensión persoal do sabio-xusto cara a Deus.

**26**, 10 *O malvado* é necio, porque, na súa visión materialista e egoísta, é incapaz de descubrir a manifestación de Deus a través da historia e a grandeza do poder de Deus (vv 16-18).

**26**, 14 *Os mortos* de que trata son os "señores que mandaron en nós" (v. 13). Eses non se levantarán, porque soamente a xustiza e a sabedoría, que vén de Deus, dá a inmortalidade. Téñase en conta que, para o semita, a existencia simple e pura non é a vida, senón que a vida é a existencia feliz e ordenada.

**26**, 16-18 A situación de angustiosa opresión a través da historia do pobo compárase coas dores e co retorcerse da muller no parto, pero este parto é estéril. O verdadeiro parto é a acción de Deus (v. 15).

**26**, 19 Aínda que o contexto esixe unha interpretación da resurrección como un novo período de esplendor na historia do pobo, a letra do texto pide unha interpretación personalista da resurrección. *Rosada de nacementos*: a rosada de Deus considérase fonte de vida. *O xeol*: traducimos así o vocábulo "ares" (= terra), que ten aquí o sentido de "mundo dos mortos".

**26**, 20-**27**, 1 Estes tres vv. do autor apocalíptico conteñen un oráculo divino, no que se lle ordena ao pobo protexerse na vila de Xerusalén mentres pasa a ira de Deus, que purifica a cidade inimiga. O autor interpreta o sufrimento dos fieis como un anuncio do castigo dos poderes inimigos. Nese momento angustioso terán os fieis a protección da cidade do Santuario de Deus, mentres que os inimigos quedarán ao descuberto. O v. **27**, 1 é a expresión deste castigo dos inimigos, en clave mítica, considerando a Iavé como o auténtico Baal (Señor, Deus da vida), que mata ao monstro da desorde e do caos. O texto alude ás expresións dun poema ugarítico. Na apocalíptica hai un proceso de volta aos mitos cananeos, pois xa o paganismo non ofrece perigo relixioso, e por outra parte, esta técnica serve aos gustos apocalípticos polas formas imaxinativas.

**27** [1]No día aquel o Señor castigará
coa súa espada dura, grande e poderosa,
a Leviatán, a serpe fuxidía,
a Leviatán, a serpe retorcida,
matará o dragón que hai no mar.

B. *Canto á protección divina sobre a súa viña (Israel)*

[2]No día aquel cantádelle á viña deliciosa:
[3]Eu, o Señor, son o seu gardián,
regareina decote,
non se castigarán as súas débedas.
Protexereina de día e de noite,
[4]non precisarei alpendre de garda.
Quen ma encheu de silvas e espiños?
Eu avanzarei en guerra contra el
e consumirao o meu lume.
[5]Ou, se non, que se aferre á miña protección
e que faga a paz comigo,
que a paz comigo faga.
[6]Chega o día no que enraizará Xacob,
florecerá e botará gromos Israel,
e as súas vides encherán a face do mundo.

**A dispersión de Xacob e o seu castigo purificador**

[7]Dá Deus un golpe
coma o que feriu a Xacob?
Ou mata con puñalada,
coma a dos que o feriron?
[8]Axotándoos, botándoos fóra,
fas o teu xuízo contra eles;
espállalos por causa da súa crueldade,
nun día de vento leste.
[9]Con isto quedará expiada
a iniquidade de Xacob,
este será o seu froito,
que afastará o seu pecado:
cando El deixe en anacos as pedras
dos seus altares,
cando non se levanten imaxes de
Axerah nin estelas cúlticas.

**Desolación da cidade inimiga**

[10]A cidade fortificada quedará soa,
un lugar despoboado e abandonado
coma o deserto,
alí pacerá o xato e alí se tombará
e destruirá os abrochos.
[11]Cando sequen os seus abrochos,
fenderanos as mulleres
que anden a buscar
con que prender o lume.
Certo, non é un pobo intelixente,
por iso o seu creador
non ten compaixón del,
o que o formou non ten piedade del.

**Volta de todos os fillos de Israel a Xerusalén**

[12]Sucederá no día aquel que o Señor
empezará a dar paus
desde o curso do Éufrates
ata o regato de Exipto,
e vós seredes reunidos un por un,
fillos de Israel.
[13]Sucederá no día aquel
que se tocará cun corno grande,
e virán os abandonados no país de Asiria,
e os dispersados polo país de Exipto,
e prostraranse diante do Señor
na montaña santa, en Xerusalén.

**27**, 1 *No mar*: o mar é a morada de Leviatán, monstro caótico e mortífero, pois, cando non é divindade do caos e do mal, é signo da inseguridade, de perigo, do mal e do diabólico.
**27**, 2-6 Este cantar suscita nos participantes das liturxias apocalípticas un sentido de seguridade na protección divina e de esperanza nun futuro glorioso de alcance universal. Os vv. 4b-5 son unha chamada á conversión dos membros do pobo que plantan no medio da viña plantas inconvenientes (silvas e espiños). Chaman á conversión coa ameaza (v. 4) e coa invitación á confianza e á paz co Señor. Sobre a imaxe, cf Is **5**, 1-7.
**27**, 7-9 Estes vv. parecen ser da última época de Is, pois a alusión aos símbolos idolátricos non ten explicación na época apocalíptica. Ademais, Is espera a reunificación de Israel, pois considera que o seu pecado xa está expiado coa dispersión e co rexeitamento do seu culto idolátrico. O texto inseriuse aquí como unha proba profética do contido dos pertencentes ao cantar anterior (vv. 4-5).
**27**, 10-11 Este oráculo de castigo é apocalíptico, e serve de comentario a **26**, 21.
**27**, 12-13 A esperanza apocalíptica céntrase no castigo de Deus para os inimigos do pobo, e na bendición divina para os deportados ou emigrados, que se xuntarán na montaña santa, en Xerusalén.

# ORÁCULOS CONTRA ISRAEL E XUDÁ

### Ai contra a coroa fermosa que é Samaria

**28** [1]Ai da coroa arrogante
dos borrachos de Efraím!
Ai da grilanda murcha,
o seu fermosísimo adorno,
que está na cabeceira do seu fértil val,
na cabeza dos soberbios atordados co viño!
[2]Velaí o Señor poderoso e valente,
coma unha tormenta de pedrazo.
Coa man tirará por terra,
[3]cos pés pisará a coroa arrogante
dos borrachos de Efraím.
[4]A grilanda murcha,
o seu fermosísimo adorno,
a que está na cabeceira do seu fértil val,
será coma un figo temperán,
de antes do tempo da seitura:
quen o ve cólleo,
devórao sen o reter na man.
[5]O día aquel o Señor dos Exércitos
será a fermosa coroa
e o diadema de adorno
do resto do seu pobo,
[6]espírito de xuízo
para o que se senta no tribunal,
e forza para os que retiran as tropas
da porta da cidade.

### Contra os profetas do templo

[7]Tamén estes cambalean co viño
e tropezan co licor.
O profeta e o sacerdote acanean co licor,
están devorados polo viño,
tropezan por causa do licor,
cambalean coa bebida,
beben mestura alcohólica a fartar.
[8]Todas as mesas están cheas de vómito,
a sucidade xa non cabe.
[9]A quen lle vai ensinar a mensaxe,
a quen lle vai facer comprender o que oíu?
Os acabados de apartar do leite?
Os acabados de retirar do peito?
[10]Así ten que ser: b, a: ba; b, a: ba;
c, a: ca; c, a: ca; un pouco alí, un pouco alá.
[11]Si, con labio burlón e en lingua estraña
vaille falar a este pobo.
[12]Díxolles así: "Este é o lugar de descanso,
facede descansar o fatigado.
Este é o voso lugar de tranquilidade".
Pero non quixeron facer caso.
[13]Así soará para eles a palabra do Señor:
"b, a: ba; b, a: ba; c, a: ca; c, a: ca
un pouco alí, un pouco alá",
para que anden e caian para atrás,
partan o lombo e sexan cazados e collidos.

### Contra as falsas seguridades das alianzas políticas

[14]Por isto escoitade a palabra do Señor,
xente burlona,
mestres de contos para este pobo
que está en Xerusalén.

**28**, 1-4 Trátase dun Ai contra Samaria, á que se asemella poeticamente a grilanda de flores que levaban na cabeza os ricos da cidade nos banquetes, pois é a cidade fundada por Omrí (cf 1 Re **16**, 24), na cima dun outeiro que dá a un fértil val. A grilanda está murcha, e o furacán de Deus botaraa ao chan. Este Ai é algo anterior á caída de Samaria (722/21).
**28**, 4 A imaxe do *figo* céntrase nese devorar o que un ten na man (no seu poder), pois, aínda que os asirios teñen sometida a Samaria, non se conformarán con iso e hana devorar.
**28**, 5-6 Este oráculo salvífico é unha transposición da imaxe da coroa a Deus; Iavé será a coroa do resto do seu pobo de Israel, conferíndolle enerxía para establecer unha orde social xusta, e a forza militar necesaria para defender as portas da cidade. O oráculo pode provir da época na que Ezequías intenta a recuperación do reino do Norte.
**28**, 7-13 Oráculo de xuízo de castigo contra os profetas oficiais do templo e da corte. Estes polemizan contra Isaías, tratándoo de profeta para meniños; respóndelles que lles fala cun ton de dobre sentido primeiro, e logo con ton ameazador (vv. 11-13). O oráculo é anterior á invasión de Senaquerib no 701.
**28**, 7-8 A descrición destes profetas e sacerdotes responde realmente ao profeta cúltico que, como sacerdote, se farta de comer no templo.
**28**, 9 O suxeito de "vai" é Isaías: a súa mensaxe de non acudir a Exipto, renunciando a formar a alianza antiasiria, só serve para meniños.
**28**, 10 O texto recolle a forma de ensino da lectura aos meniños na escola sapiencial: lit. "sau con sau, sau con sau, qau con qau...".
**28**, 11 Este v. contén a orde divina de proferir un oráculo.
**28**, 12 O oráculo tivo nun pasado sentido positivo: a oposición de Isaías á alianza antiasiria, pois a elección do templo e da cidade era a tranquilidade e descanso do pobo; pero, como non fixeron caso, segue o profeta cun oráculo de castigo (v. 13).
**28**, 14-22 Este oráculo de xuízo de castigo preséntanos unha acusación xeral dos dirixentes políticos como xente que se burla do Deus da Alianza, ao faceren alianzas políticas que dan máis seguridade ca a alianza con Iavé (vv. 14-15). Os vv. 16-17a presentan en forma oracular o verdadeiro refuxio de seguridade en Sión e na edificación sobre Sión, expresada cos instrumentos de traballo que Deus ordenara. Os vv. 17b-22 conteñen o anuncio do castigo. A data do oráculo é a dos anos da alianza con Exipto para constituír a coalición antiasiria (entre o 711 e o 701).
**28**, 14 Aos dirixentes políticos acúsaos Isaías de *xente burlona* e *mestres de contos*, pois as súas pretensións de prosperidade e liberdade van resultar frustradas.

15 Porque vós dixestes:
"Fixemos un pacto coa Morte
e co xeol fixemos un trato:
O castigo da inundación chegará,
pero non nos alcanzará,
porque nos refuxiamos na mentira
e nos agachamos no engano".
16 Por isto o meu Señor Deus fala así:
Velaquí estou:
poño de alicerce de Sión unha pedra;
unha pedra de granito, de fundamento;
unha esquina pesada, asentada
polo que sabe afincar e non se apura.
17 O cordel será o dereito,
a chumbada a xustiza,
o pedrazo varrerá o refuxio da mentira,
as augas arrasarán o seu toco.
18 A vosa alianza coa Morte será fendida,
e o voso pacto co xeol non se manterá.
O castigo da inundación chegará,
e ficaredes esmagados.
19 Sempre que pase, levaravos a vós.
Si, pasará de mañá en mañá,
de día e de noite,
e non haberá máis ca terror
ao comprender a noticia.
20 Porque a cama é moi curta para se estirar,
e a manta moi estreita para se envolver.
21 Pois o Señor erguerase
coma o monte Perassim
e moverase coma o val de Gabaón
para executar a súa obra,
a estraña obra súa,
e para facer o seu traballo,
estraño traballo o seu.
22 Pois agora non vos burledes
tanto que caiades na vosa trampa,
porque oín do meu Señor,
o Deus dos Exércitos,
unha destrución segura,
decretada contra todo o país.

### Parábola da sabedoría do labrego

23 Prestade atención e escoitade a miña voz,
atendede e facede caso ao meu discurso.
24 Ara o labrador todos os días?
Sen sementar sacha e grada a súa terra?
25 Tan só cando achanza
a superficie da terra,
esparexe a nichela e bota o comiño;
sementa o trigo, o millo,
a cebada e o centeo
e a avea na beira.
26 O seu Deus instrúeo,
ensínao como é debido.
27 Certo, non se trilla a avea co trillo,
nin a roda do carro dá voltas
sobre o comiño,
senón que coa vara se varea a avea
e o comiño co pau.
28 O trigo tríllase, pero non sen nunca parar,
tríllase coa trilla precisa.
Se o machica coa roda do seu carro
e cos seus cabalos, non o trilla.
29 Isto tamén sae do Señor dos Exércitos,
que dá o consello axeitado
e fai grande o éxito.

### Ai contra Ariel (= Xerusalén)

**29** 1 Ai Ariel, Ariel,
cidade onde acampou David!
Engadide un ano a outro ano,
e que as festas corran o seu ciclo!
2 Entón eu asediarei a Ariel,
e haberá lamentación sobre lamentación,
e Xerusalén será de verdade a miña Ariel.
3 Acamparei, aldea, arredor de ti,
cercareite con campamentos
e levantarei ao teu arredor obras de asedio.
4 Falarás baixiño desde debaixo da terra,
e o teu falar soará apagado desde o po,
a túa voz será como un espírito
de debaixo da terra,

**28**, 15 As palabras tipificadas, aínda que se poñen na boca dos políticos, son de Isaías, e implican xa un xuízo sobre o resultado das alianzas. Sobre as divindades do mundo subterráneo (Mot e Xeol), cf a literatura ugarítica. As expresións dos políticos refírense ás alianzas con Exipto. A *inundación* alude aos castigos asirios, pola infidelidade á alianza con eles. A *mentira* e o *engano*, son personificacións da traizón xudía aos asirios, realizada na nova alianza cos exipcios.
**28**, 16 O oráculo de contraste preséntanos a Deus coma o mestre de cimentacións, establecendo en Sión a verdadeira seguridade (a alianza, implícita na escolla divina de Sión), construción que o pobo ten que seguir realizando cos instrumentos que Deus decide: a xustiza e o dereito, xunto coa fidelidade ás disposicións e decretos divinos.
**28**, 20 A imaxe poética da cama e da manta demasiado curtos para se tapar, expresa a insuficiencia e ineficacia das alianzas políticas.
**28**, 21 A comparación da acción de Deus co monte Perasim e co val de Gabaón refírese ás vitorias de David nestes lugares, grazas á axuda divina (2 Sam **5**, 20. 25; cf tamén Xos **10**). Aquí a acción de Deus cualificase de estraña e allea, pois é a acción de castigo contra o seu pobo infiel.
**28**, 23-29 Parábola sobre a orixe divina da sabedoría do labrego, que o leva ao éxito dos seus traballos. O profeta aplícaa aos plans salvíficos do oráculo dos vv. 16-17a, que terán o seu cumprimento.
**28**, 24 En Palestina, ata hai pouco tempo, sementábanse os cereais antes de facer a decrúa da terra.
**28**, 25 *O millo* non é o noso millo (maínzo), senón un cereal semellante ao paínzo, ou millo miúdo.
**29**, 1-12 Trátase dun Ai contra Xerusalén (chamada aquí Ariel), datable preto do 701, cando o profeta anuncia a maldición e o castigo divino da invasión de Senaquerib.

e o teu falar será un trilo desde o po.
5A tropa dos estranxeiros
será para ti coma o po fino,
coma arganas que voan
será a tropa dos estranxeiros.
Sucederá de repente
nun abrir e pechar de ollos,
6que serás visitada
polo Señor dos Exércitos,
con trono, con derrubamento
e con grande barullo,
con ciclón, con vento
e chama de lume devoradora.
7Coma un soño será a visión nocturna:
tropa de todos os pobos
facendo a guerra contra Ariel,
si, todos os que loitan contra ela
póñenlle sitio e asédiana.
8Sucederá como cando un soña
que ten fame;
come, pero ao espertar
ten a gorxa baldeira;
e como cando un soña que ten sede:
bebe, pero ao espertar está reseco
e a súa gorxa sedenta.
Así será a tropa de todos os pobos
que fan a guerra contra o monte Sión.
9Pasmádevos, quedade pasmados;
cegádevos, quedade cegos,
vós que estades borrachos, pero non de viño,
cambaleades, pero non de licor,
10porque o Señor verteu dentro de vós
un espírito de sono profundo:
pechou os vosos ollos, profetas;
e cubriu as vosas cabezas, videntes.

11Entón a visión de todo será para vós coma palabras dun rolo selado: cando llo dan a un que sabe ler, dicíndolle: "Olla, le isto"; el di: "Non son capaz, está selado"; 12cando se pon o libro diante dun que non sabe ler, dicíndolle: "Olla, le isto"; el responde: "Non sei ler".

### Oráculo contra o culto formalista

13O meu Señor dixo:
Este pobo achégase a min coa súa boca,
hónrame cos seus labios,
pero o seu corazón está lonxe de min:
a súa adoración é un ritual de homes,
algo que aprendeu.
14Por isto, velaí:
eu volverei a asombrar este pobo,
facendo marabillas e prodixios:
a sabedoría dos seus sabios perecerá
e a intelixencia dos seus intelixentes
quedará enterrada.

### Ai contra os falsos sabios, e xurdir duns novos sabios

15Ai dos que manteñen o seu plan
en lugar secreto,
ben enterrado, lonxe do Señor!
Ai daqueles que fan as obras
na escuridade,
e pensan: "Quen nos ve?
Si, quen nos coñece?".
16Perversidade a vosa!
O oleiro é coma o pote que el modela?
De quen a modelou dirá a obra:
El non me fixo?
Pero a criatura dixo do seu creador:
El non entende.

**29**, 6 Compárase a invasión cun grande ciclón e tormenta.
**29**, 7-10 Descríbese a invasión coa imaxe dun soño, que vai variando de tema: invasión-fame e sede da alianza antiasiria-falsos profetas. Todo é soño, pois están aparvados e cegos.
**29**, 11-12 Estes vv., escritos en prosa, poden moi ben ser un comentario "post factum" á falta de conexión entre o profeta e o pobo, por non saber (desconexión co círculo profético) ou ben por falta de fe na mensaxe de Isaías (libro selado).
**29**, 13-14 Oráculo de xuízo de castigo contra o tipo de culto que lle dá a Iavé o pobo: un culto formalista e ritualista, pero sen o compromiso interior da fe e da fidelidade a Deus e á súa palabra. Por iso o castigo que se lles anuncia é a desaparición da palabra de consello do sabio. A crítica profética sobre o culto é moi distinta da que se fai en **1**, 10-19, polo que a datación debe corresponder ao final do século VIII, momento no que o culto non pode ser moi rico en vítimas, senón no aspecto ritual (cf **28**, 7ss). O castigo que se inflixe é a desaparición da sabedoría, pois esta ten a súa orixe en Deus e na piedade ("temor") relixioso-cúltica.
**29**, 15-24 O texto constitúe unha unidade literaria composta dun Ai con xuízo condenatorio (vv. 15-16. 20-21) e dous oráculos salvíficos (vv. 17-19. 22-24). A pesar desta conxunción de xéneros literarios, o texto forma unha unidade temática e supón unha situación ben concreta: os dirixentes políticos (sabios) organizan a política sen ter en conta que a sabedoría ten a súa raíz na relixiosidade e na fe e fidelidade a Deus. Isaías anuncia a desaparición deste tipo de sabios, ao mesmo tempo ca o xurdimento, co impulso de Deus, duns novos sabios os pobres, que reverenciarán o Señor.
**29**, 15 *O plan*: é propio do sabio, pero o comezo ou raíz da sabedoría é o temor do Señor, isto é, a relixiosidade, a fe e o culto ao Señor. *A escuridade* é a ausencia da luz da revelación divina, que recibe na fe e na fidelidade ao revelado.
**29**, 16 *A criatura*: lit. "o obxecto modelado", coma o barro do oleiro. Aquí refírese á persoa do sabio, polo que o v. constitúe un comentario a Xén **2**, 7 (cf Sal **103**, 14; Xer **18**, 1-6).

17 Velaí: dentro dun pouco, ben pouquiño,
o Líbano converterase nun verxel
e o Carmelo será considerado un bosque.
18 No día aquel os xordos oirán
a lectura dun rolo
e desde a escuridade e as tebras
os ollos dos cegos verán.
19 Entón os pobres
aínda se alegrarán máis no Señor,
e os campesiños miserables
brincarán de gozo polo Santo de Israel,
20 porque se acabará o tirano,
desaparecerá o burlón,
e todos os que intentan facer a iniquidade
serán exterminados:
21 os que declaran culpable a un home
con calumnia,
e poñen lazos aos que deciden
nas portas da cidade
para botaren o inocente ao deserto.

22 Por isto así fala acerca da casa de Xacob
o Señor Deus, o que redimiu a Abraham:
Xa non se avergonzará Xacob,
xa non virará branca a súa cara,
23 porque cando vexa
no medio del os seus fillos,
froito das súas entrañas,
eles santificarán o meu Nome.
Santificarán o Santo de Xacob
e reverenciarán o Deus de Israel.
24 Entón os de espírito extraviado
coñecerán o que é ter siso,
e os murmuradores aprenderán
a instrución que se lles dá.

### Ai contra a rebeldía idolátrica de facer alianza con Exipto

**30** 1 Ai, fillos que se rebelan
–é o Señor quen fala–,
facendo un ídolo de pau
sen que isto saia de min,
e vertendo metal nun ídolo de fundición,
sen contar co meu Espírito,
engadindo así pecado sobre pecado!
2 Sen consultar a miña boca,
baixan de présa a Exipto,
para buscaren refuxio no poder do Faraón
e se refuxiaren á sombra de Exipto.
3 Pero o poder do Faraón
volveráselles vergonza,
e o refuxio á sombra de Exipto
volveráselles desgraza.
4 Aínda que os seus xenerais
están en Soán,
e os seus mensaxeiros chegan a Hanés,
5 todos están humillados
por causa do pobo,
que non saca proveito para si
nin axuda nin utilidade,
senón a vergonza e mais o oprobio.
6 A carga das bestas de Arabia
que chegou por terra de angustia e perigo,
con leoas e leóns ruxidores,
con víboras e serpes voadoras,
eles lévana sobre os lombos de burros,
pois son as súas riquezas:
sobre a xiba dos camelos
levan os tesouros
para un pobo do que non sacan proveito.
7 Si, Exipto é aire: va é a súa axuda,
por isto deille este nome:
Ráhab, "ruído-inactivo".

### O documento dun xuízo de castigo

8 Agora vai, escríbeo nunha táboa,
ven e grávao nunha lousiña,
que sirva para os días futuros,
de testemuña para sempre,
9 porque son un pobo rebelde,

**29**, 17-19 Coa imaxe da transformación do mundo vexetal (v. 17), quérese significar a transformación prodixiosa dos pobres e humildes en sabios (xordos que oen as palabras dun rolo-libro, como os alumnos das escolas sapienciais, e cegos que chegan a ver e comprender). Esta sabedoría recoñécese obra de Deus (v. 19) en oposición á sabedoría dos falsos sabios (v. 15).
**29**, 20 *O tirano e o burlón* son tipificacións do falso sabio, que non está aberto á escoita da sabedoría, senón que cre falsamente posuíla.
**29**, 21 *Nas portas da cidade* tiñan lugar os xuízos en primeira instancia.
**29**, 23 *Entrañas*: eufemismo.
**30**, 1-7 Trátase dun Ai contra a alianza política con Exipto e contra Asiria, que hai que datar no último decenio do século VIII. Cualifica esta alianza de idolátrica, carrexadora de vergonza e desgraza, de inútil e gravosa.
**30**, 1ss Sorprende a consideración da alianza política como un feitío de ídolos, pero o xeito de describir a tal alianza (vv. 2-3) realízase cos termos usuais da fe e confianza en Deus: *refuxio no poder... e á sombra*. O monoteísmo profético esixe pór soamente en Deus o propio refuxio no perigo.
**30**, 4 *Soán*: Tanis, sede do faraón exipcio. *Hanés*: Heraképolis, a 100 km ao S do Cairo, desde onde os militares mandan mensaxeiros a Tanis.
**30**, 7 *Ráhab* era un monstro mitolóxico. Fóra do A. T., aparece en inscricións de encabezamento de camiños do sur de Arabia, polo que podemos pensar nun monstro do deserto.
**30**, 8-16 Este texto está constituído por un oráculo de xuízo de castigo (vv. 12-14), precedido por unha tipificación da acusación, agravada pola orde divina de escribir o tal oráculo nunha táboa de arxila como testemuño e como expresión do dinamismo futuro da palabra profética (vv. 8-11). Conclúen o oráculo unha "torah" profética condicionada (v. 15) e unha nova tipificación da acusación e do anuncio de castigo, contrastadas cunha forte ironía (vv. 16-17). A data do texto debe ser moi próxima ao ano 701.

fillos traidores,
fillos que non lle queren facer caso
á lei do Señor,
10que lles din aos videntes:
"Non teñades visións";
e aos que reciben mensaxes:
"Non teñades para nós
mensaxes da verdade.
Comunicádenos palabras moles,
tende visión de cousas agradables.
11Apartade do noso camiño,
quitade do noso vieiro,
retirade de diante de nós
ao Santo de Israel".
12Por isto, así fala o Santo de Israel:
Por rexeitardes a miña palabra,
confiando no tirano máis perverso,
e descansando fiados nel,
13por isto esa iniquidade
estará contra vós,
como unha greta nun muro alto,
que alomba ameazando ruína.
Cando de repente chega a súa ruptura,
14rompe coma cacharro de oleiro,
cando o escachan sen compaixón
e non se atopa entre os seus anaquiños
un cacho para coller lume do fogar
ou para sacar auga do pozo.
15Porque así fala o meu Señor, Iavé,
o Santo de Israel:
Seredes salvados
con só sentarvos á espera,
a vosa forza está
en quedarvos quietos e tranquilos;
pero, non quixestes,
16senón que dixestes:
"Non! Fuxiremos a cabalo!".
De verdade que fuxiredes!
"Montaremos cabalos rápidos!".
Rápidos serán tamén
os vosos perseguidores!
17Co bramido dun só, fuxiredes mil,
co bramido de cinco fuxiredes:
só quedará un,
coma o mastro na cima do monte,
coma bandeira nun outeiro.

**Oráculo salvífico para Xerusalén**

18Certo, o Señor está esperando
mostrarvos o seu favor,
o Altísimo está esperando
ter compaixón de vós.
O Señor é Deus da Xustiza:
felices todos os que esperan nel.
19Ai, pobo de Sión,
que habitas en Xerusalén,
non chores máis:
o seu favor acollerá o teu berro de auxilio;
cando El o escoite, responderache;
20o Señor darache o pan
na hora da angustia
e auga na hora do asedio;
e o que che dá a chuvia
non volverá a marchar,
os teus ollos volverano a ver,
21os teus oídos escoitarán unha palabra:
"Este é o vieiro, camiñade por el",
cando vos desviedes para a dereita
e cando vos desviedes para a esquerda.
22Entón profanaredes o revestimento
de prata dos vosos ídolos,
e botaredes fóra os adornos de ouro
das vosas imaxes:
coma pano ensanguentado,
declararédelas unha inmundicia.
23Entón daralle a chuvia para a sementeira
que sementaches na túa terra,
e o gran, produto da túa terra,
será abundante e gordo.
No día aquel o teu rabaño
pacerá en pasteiros anchos,
24e os bois e os burros que aren a túa terra,
comerán forraxe ben sazonada,
aventada coa galleta e a forquita.
25Sobre todo monte alto
e todo outeiro erguido
haberá auga, correrá a regos,
no día da grande matanza,
cando caian as torres.
26Entón a luz da lúa será coma a luz do sol
e a luz do sol será sete veces maior,
cando o Señor sande a ferida do seu pobo
e cure a chaga do seu castigo.

**30**, 12 O tal tirano pervertido non é o rei, senón un conselleiro que recomenda prescindir da revelación profética (e de Iavé) e seguir o que é humanamente máis recomendable.
**30**, 15 A "torah", comunicación profética, era seguir pagando o tributo a Asiria e deixar de lado as manobras políticas das alianzas.
**30**, 18-26 Oráculo salvífico para Xerusalén no momento do asedio de Senaquerib (cf v. 20a). Para acadar a salvación esixe a confianza en Iavé (vv. 18-20a) e o rexeitamento da idolatría (vv. 20b-22).
**30**, 20 *O que che dá a chuvia* é un título de Baal, o cabaleiro das nubes, aplicado a Iavé. O Señor e non Baal, é quen lle dá ao pobo asediado o pan e a auga.
**30**, 23-26 Os dous títulos salvíficos de Iavé eran realmente os atributos de Baal, deus das chuvias e da fecundidade. Soamente o último (v. 26) alude á luz, que aquí é imaxe da salvación, sen especiais vínculos co culto a Baal.

**Teofanía de castigo contra Asiria**

27 Velaí o Nome do Señor:
está chegando desde lonxe,
arde o seu nariz e o seu fígado bota fume,
os seus labios están cheos de carraxe,
a súa lingua é coma o lume devorador,
28 a súa respiración coma un río desbordado
que chega ata o pescozo:
xunguirá ás nacións co xugo da destrución,
un freo aniquilador
estará na boca dos pobos.
29 O voso canto será
como o da véspera das festas
e a ledicia do voso corazón
será como cando un marcha coa frauta
para entrar na montaña do Señor Deus,
o Penedo de Israel.
30 Entón o Señor fará oír
o esplendor da súa voz,
mostrará o golpe do seu brazo,
co resollo do seu nariz
e a chama do lume devorador,
coa tempestade, a tormenta e o pedrazo.
31 Pois co pau da voz do Señor
Asiria será esnaquizada:
32 cada azoute da vara
con que o Señor a castigue,
estará acompañado de tambores e de liras,
de danzas de guerra
e de ritos de loita contra ela.
33 Si, Deus preparou o Tófet contra ela,
preparouno para o rei;
afondou, ancheou o seu pozo,
amoreou paus e lume,
o alento do Señor, coma un río de xofre,
prendeu lume nel.

**Ai contra os que poñen a confianza na axuda de Exipto**

**31** 1 Ai dos que baixan a Exipto
por axuda!
Apóianse nos cabalos,
confían nos moitos carros,
e nos tiros de cabalos, –tantísimos son!–,
pero non ollan para o Santo de Israel
nin buscan ao Señor.
2 El é o único Sabio,
que leva adiante o seu plan,
e non deixa que fallen as súas palabras:
levantarase contra a nación dos malvados
e contra a axuda
dos que cometen a iniquidade.
3 Exipto é home e non deus,
os seus cabalos son carne e non espírito,
por isto, o Señor estenderá a súa man;
e caerá quen axuda xunto co axudado:
os dous xuntos perecerán.

**O Señor é o protector de Sión e do seu pobo fiel**

4 Díxome así o Señor:
Como roxe o león, o cachorro do león,
pola súa presa,
cando acode contra el o grupo de pastores,
que cos seus berros non o asustan
nin co seu barullo o espantan,
así baixará o Señor dos Exércitos
para facer guerra
sobre o monte Sión, sobre o seu outeiro.
5 Coma bandadas de paxariños en voo,
así botará o Señor dos Exércitos
o seu escudo sobre Xerusalén,
botará o escudo e salvará;
estará de garda e rescatará.

6 Volvédevos a Aquel de quen tanto
se apartaron os fillos de Israel.
7 Porque no día aquel cada un rexeitará
os ídolos de prata e os ídolos de ouro
que as vosas mans de pecado
fixeron para vós.
8 Asiria caerá coa espada
daquel que non é home,
será devorada pola espada daquel
que non é humano.
Asiria andará fuxida por medo á espada

**30**, 27-33 Esta peza literaria ten todos os sinais dunha teofanía antropomórfica do Deus dos Exércitos en guerra santa contra as nacións, concretadas no exército asirio; a Iavé acompáñano os cantares da festa do seu pobo por mor da liberación que lle supón. Debeuna compoñer Isaías durante o asedio do ano 701.
**30**, 27 *Nariz / fígado*: como sede dos sentimentos de ira (fígado) e expresións dos mesmos, o nariz que arde; *labios / lingua*: expresión das maldicións (lume) contra os opresores do seu pobo.
**30**, 29 *Véspera*: lit. "noite da consagración".
**30**, 30 A ira do Señor convértese nunha tormenta destrutora.
**30**, 33 *O Tófet* era un lugar do val de Ben Hinnón onde sacrificaban os meniños (cf Lev **19**, 21ss; 2 Re **23**, 10; Xer **7**, 31; **19**, 6. 13). O rei aquí debe referirse ao deus Mot.
**31**, 1-3 Este Ai data do último decenio do s. VIII. A razón desta maldición é dobre: a confianza posta nos medios humanos (os carros e cabalos exipcios), e prescindir da palabra e plan de Deus comunicado por Isaías. *Non buscan ao Señor* quere dicir que non consultan a palabra profética co desexo de fiarse dela.
**31**, 2 *Sabio*, título de Deus, que comunica o seu consello (plan) ao pobo e está atento a cumprilo (cf **20**, 8).
**31**, 3 *Deus / espírito*, referíndose ao poder de Deus, para levar a cabo o seu plan.
**31**, 4-9 Oráculo salvífico no momento do asedio asirio contra Xerusalén; a razón última dásenos no v. 9b. Os vv. 6-7 rompen un pouco o ritmo do resto, pero non son alleos á esixencia isaiana da conversión e fe no Señor para a salvación. Moitos críticos considéranos unha engadido dos editores.
**31**, 5 *Estar de garda*: heb. "pésah", raíz da que se deriva o nome Pascua (cf Éx **12**, 13. 23. 27).

e os seus mellores irán a traballos forzados.
[9]O seu Penedo escapará co terror
e os seus xenerais abandonarán a bandeira
–quen fala é o Señor–
que ten o fogar en Sión,
e o forno en Xerusalén.

### O rei xusto e xeneroso, ben diferente do rei louco

**32** [1]Velaí un gran rei:
reinará con xustiza
e príncipes gobernarán
con xustos decretos.
[2]Entón cada un será como un refuxio
contra o vento,
un pendello para o temporal,
coma regos de auga nun secaño,
coma a sombra dun penedo
nunha terra reseca.
[3]Se os ollos dos que ven, queren ver;
se os oídos dos que escoitan,
queren estar atentos;
[4]se a mente dos intelixentes
trata de coñecer;
e se a lingua dos tatexos
quere falar con claridade,
[5]entón ao louco
non se lle volverá chamar xeneroso,
nin á súa loucura se lle chamará sabedoría.
[6]Porque o louco fala loucuras
e co seu corazón inventa a iniquidade,
facendo sacrilexios e falando blasfemias
contra o Señor,
deixando baleira a gorxa do famento
e negándolle a bebida ao sedento.
[7]O máis íntimo da súa entraña é malo,
el inventa plans para arruinar os pobres
con discursos mentireiros
e calumniar o necesitado no tribunal.
[8]Mentres que o xeneroso planea
plans xenerosos e mantense firme neles.

### Chamada ás mulleres para a liturxia penitencial

[9]Mulleres compracentes, póndevos de pé,
escoitade a miña voz.
Fillas presumidas,
prestade oídos ao meu dito.
[10]No ano que vén,
tremeredes vós, presumidas,
porque desaparecerá a vendima
e a seitura non virá.
[11]Espantádevos, compracentes;
treme ti, presumida,
íspete e queda en coiros,
cingue o saco sobre a cintura;
[12]sobre os peitos que fan lamentación
polos campos deleitosos,
pola viña frutuosa, [13]pola terra do meu pobo.
Medran silvas e cardos en todas as casas
de pracer da vila alegre.
[14]Porque o pazo estará abandonado,
a cidade rebuldeira quedará deserta.
Ofel e Bahan quedarán
para sempre baleiros,
serán lugar de pracer para burros salvaxes,
pasteiro de rabaños,
[15]ata que sobre vós se verta
o espírito desde o alto,
e o deserto se volva verxel
e o verxel pareza un bosque.
[16]Entón o xuízo xusto habitará no deserto
e a xustiza morará no verxel;
[17]o froito da xustiza será a paz,
e o seu resultado vivir tranquilo
e seguro para sempre.
[18]Entón o meu pobo
vivirá nun campo de paz,

**31**, 9 *Penedo*: é a miúdo un título divino co matiz do Deus no que apoiarse; pero aquí alude a aquilo no que os asirios poñen a súa confianza. O feito de aparecer en paralelo cos *xenerais*, fai pensar que se refira ás tácticas de guerra: exército de mercenarios especializados, carros lixeiros, todo isto con carácter sacro.
**32**, 1-8 Toda a sección semella unha mestura dos ideais mesiánicos do profeta coas súas preocupacións sapienciais, propias da escola na que se formou. Literariamente é un oráculo salvífico cos contrastes da actuación do louco, que se pode referir ao rei Ezequías ou aos seus conselleiros, a propósito da alianza antiasiria con Exipto.
**32**, 1-3 A principal condición do rei e dos príncipes (gobernadores) será a de protector e a de xenerosidade e procura do benestar.
**32**, 4 *Mente*: lit. "corazón", sede dos plans e intencións.
**32**, 6 *Os sacrilexios e blasfemias* do conselleiro ou rei *louco*, refírense ao carácter idolátrico da alianza antiasiria (cf Is **30**, 1-8; **31**, 1-3).
**32**, 7 *O máis íntimo da súa entraña*: lit. "os riles dos seus riles". O ril é a sede dos sentimentos.
**32**, 9-20 Esta unidade literaria está composta de dúas estrofas complementarias: a) 9-14; contén unha chamada á liturxia de lamentación colectiva dirixida ás mulleres (cf Is **3**, 16-24) no ano 702 (cf v. 10); e b) vv. 15-20: oráculo salvífico sobre a efusión do espírito (forza) desde o alto (de Deus), que suscitará un rexurdir da xustiza, expresado en imaxes literarias de tipo vexetal, e nas consecuencias de paz (fartura), seguridade e tranquilidade. Os dous elementos vincúlanse na liturxia penitencial.
**32**, 11-12a: Descrición da liturxia de lamentación colectiva.
**32**, 14 *Ofel* era un outeiro ao S do templo, asento da cidade antiga. *Bahan* é un nome descoñecido, que debe referirse a algún outro barrio de Xerusalén.
**32**, 15 A estrofa forma parte da frase do v. 14, poñéndolle un prazo límite á desolación da cidade. É moi probable que Isaías coñecese profeticamente o fracaso da expedición do rei asirio no 701, cando aquela xa estaba en curso (cf **37**, 1-7). Esta segunda parte salvífica é reflexo da fe do profeta na perpetuidade de Xerusalén, como consecuencia da elección divina.

en casas seguras e en mansións tranquilas,
[19]e demoucará o bosque cunha machada,
e coa súa caída caerá aquela cidade.
[20]Felices vós que sementaredes
á beira de todas as augas,
e deixaredes andar soltos
os cascos do boi e do burro.

**A liberación da Xerusalén asediada**

I. *O saqueador é saqueado*

**33** [1]Ai saqueador, ti non es saqueado!
Ai traidor, a quen non traizoan!
Cando ti acabes de saquear,
serás saqueado;
cando remates de facer traizón,
traizoarante a ti!
[2]Señor, móstranos o teu favor;
a ti chamamos esperanzados.
Serás ti a nosa forza cada mañá,
a nosa salvación na hora do asedio.
[3]Que co ruído das túas tropas
escapen os pobos,
que co ruído dos teus soldados
desaparezan as nacións.
[4]O botín será amoreado,
como se amorean os saltóns:
como ataca a lagosta saltarán eles no botín.
[5]Enxalzado sexas, Señor,
pois moras no máis alto.
Que se encha Sión
de rectitude e de xustiza,
[6]e que o Señor sexa a seguridade
do seu templo.
O tesouro da súa salvación
é sabedoría e coñecemento;
a súa riqueza, o temor do Señor.

II. *Xuízo contra os mensaxeiros da fartura*

[7]Velaí os xefes clamando polas rúas,
os mensaxeiros da fartura
chorando amargamente.
[8]Están desertas as calzadas,
o paseante da rúa non camiña,
romperon a alianza,
rexeitaron os garantes do pacto,
non teñen respecto para ningún home.
[9]O país anda de loito, está estéril,
o Líbano vólvese pálido, está sen forza,
o Xarón é coma un deserto,
o Baxán e o Carmelo quedan espidos.
[10]Agora voume levantar dixo o Señor,
vou estar ben alto, voume erguer.
[11]Vou concibir herba e vou dar a luz palla,
coma o lume o meu Espírito
vaivos devorar;
[12]o meu pobo será unha queima con cal,
coma silvas cortadas arderá no lume.

III. *O xusto librarase do castigo de Deus*

[13]Vós, que estades lonxe,
escoitade o que eu fixen;
coñecede, os que estades preto,
a miña valentía.
[14]Que os pecadores se estremezan en Sión,
e o terror apreixe os impíos:
Quen habitará entre nós
nun lume devorador?
Quen habitará entre nós
nas chamas eternas?
[15]O que se comporta con xustiza
e fala o que é correcto,
o que rexeita as ganancias da opresión,
o que sacode a súa man
para non coller subornos,
o que pecha os seus oídos
para non verter sangue,
o que pecha os seus ollos
para non favorecer a maldade.
[16]Este morará no máis Alto,
a Praza forte do Penedo será o seu refuxio,
o seu pan seralle dado,
e a súa auga estará asegurada.

**32**, 19 *Aquela cidade*: refírese a Nínive.
**33**, 1ss Todo este c. é un comentario profético-misterioso á liberación de Xerusalén do asedio de Senaquerib. A complexidade de xéneros literarios é clara, pero encáixanse ben para remarcar o triunfo de Deus e dos xustos.
**33**, 1-6 Esta complexa unidade literaria consta dun Ai contra Senaquerib e os asirios (v. 1) e de elementos propios dun salmo de lamentación colectiva, súplicas e descricións do triunfo esperado (vv. 2-4), ao mesmo tempo que de acción de grazas (v. 5a), para concluír con referencias á xustiza e á sabedoría (vv. 5b-6).
**33**, 2 *Cada mañá*: cando comezaba o asedio.
**33**, 3 O profeta presenta a resistencia dos asediados como unha guerra santa.
**33**, 7-12 Estes vv. son unha descrición poética da desilusión e fracaso da alianza antiasiria feita con Exipto, expresado en clave vexetal, para concluír no xuízo purificador do Deus, que tan poeticamente expresan as imaxes da queima con cal (desinfectante) e con silvas (plantas improdutivas e inútiles).
**33**, 7 *Xefes*: eran os directores da política do momento, promotores da alianza antiasiria (v. 8), que para Isaías ten carácter pagán e idolátrico (cf **30**, 1. 11. 12; **31**, 1-3).
**33**, 13-16 Esta sección vén sendo un comentario ao "xuízo de castigo" de Deus dirixido aos que viven en Xerusalén e aos fuxitivos ou deportados de Xudá no 711. Salienta o poder do Señor que castiga os pecadores e idólatras (favorables á alianza con Exipto), pero que salva os xustos. Nos vv. 14-16 o profeta imita o estilo do Sal **15**, que é unha "torah" de entrada no santuario. Soamente o xusto terá a seguridade que vén de Deus.
**33**, 16 *O máis Alto, Praza forte*: son referencias á presenza de Deus, da que o templo de Xerusalén era soamente un símbolo. *O Penedo* é o título de Iavé referido á seguridade. *O pan* e *a auga*: alimento no asedio.

IV. *Canto ao Sión liberado*
17Os teus ollos verán o Rei
na súa fermosura, verán a cidade remota.
18O teu corazón contemplará
unha visión terrible:
U-lo que conta? U-lo que pesa?
U-lo que enumera as torres?
19Non verás un pobo estranxeiro,
un pobo de lingua misteriosa de oír,
de lingua burlona que non se entende.
20Velaí Sión, a cidade
da nosa solemne asemblea;
os teus ollos verán Xerusalén,
morada tranquila, tenda que non cambiará,
os seus cravos nunca se arrincarán,
nin se romperán as súas cordas.
21Si, olla para o Maxestoso, o Señor,
o noso encoro de ríos,
de regos anchos ás dúas bandas:
non pasará por el barco de remos,
nin barco grande o poderá cruzar.
22Si, o Señor será o noso Rexedor,
o Señor será o noso lexislador,
o Señor, o noso Rei, El só nos salvará.
23As súas cordas afrouxaranse,
non erguerán o mastro
nin izarán a bandeira.
Entón será dividido o botín,
o riquísimo botín;
os coxos poderán coller a súa parte,
24quen alí reside non dirá:
"Estou impedido".
O pobo que resida alí
quedará libre da iniquidade.

## PEQUENA APOCALIPSE

### A caída de Edom, xuízo de Deus sobre as nacións

**34** 1Pobos, acercádevos a escoitar;
nacións, prestade atención;
escoita, terra e o que a enche;
o orbe, e o que sae del.
2A ira do Señor está
contra todos os pobos,
o seu noxo contra os seus exércitos,
consagrounos ao exterminio,
entregounos á matanza.
3Os mortos pola espada
serán tirados fóra,
o fedor subirá dos seus cadáveres,
4os montes desfanse co dó,
e féndense as chairas.
Velaí todo o exército do ceo:
enrólase coma un rolo de escribir,
e todo o seu exército cae murcho,
como cae murcha a folla da viña,
e coma o figo mirrado da figueira.
5A súa espada aparece no ceo,
velaí baixa sobre Edom,
sobre o pobo consagrado ao exterminio,
furiosa para o xuízo.
6A espada do Señor está chea de sangue,
está engraxada de sebo,
do sangue de carneiros e chibos,
de sebo dos riles dos carneiros.
Velaí, en Bosrah,
o sacrificio en honor do Señor,
a grande matanza no país de Edom.
7Si, un exército presenta búfalos,
un exército de valentes presenta becerros:
o seu país emborracharase co seu sangue,
e o seu pobo engrosará coa súa graxa.
8Porque é o día da vinganza do Señor,
o ano das contas do xuíz de Sión.
9Os seus regueiros serán de pez,
e o seu po será xofre,
a súa terra volverase brea ardente,
10non se apagará de día nin de noite,
eternamente subirá a súa fumareda,
de xeración en xeración
quedará unha desolación,
por eternidade de eternidades

**33**, 17 *O Rei* é un título de Iavé de tradición moi arcaica. *A cidade remota* é Xerusalén. Cualificase de remota, pois a súa liberación é obra do que está no máis Alto (v. 16). Coa devandita imaxe anticipa Isaías o tema apocalíptico da cidade que baixa do ceo.
**33**, 18 Quen pesa e quen conta as torres é o asirio.
**33**, 21 As imaxes da auga abundante queren expresar as bendicións de Deus. Os barcos simbolizan aquí o dominio estranxeiro.
**33**, 22 Este v. é unha glosa, pois rompe a imaxe literaria dos barcos.
**34-35** Podemos datar o texto destes cc. nos últimos anos do s. VI, cando empezan as presións belicosas das tribos nabateas sobre Edom, e xorde unha teoloxía renovada da gloria e triunfos de Xerusalén (cf Intr. a Abd **3**). Este castigo contra Edom envólvese na perspectiva apocalíptica do castigo contra os xentís como feito de afirmación do poder universal de Iavé.
**34**, 3 Os cadáveres insepultos profanan o cosmos, que os recibe con dó, ao verse violentado na súa bondade primitiva.
**34**, 4 *Féndense as chairas*. Velaí... (lectura dos documentos de Qumrân). O texto hebreo masorético le: "disólvese o exército do ceo".
**34**, 5-7 As mortes dos edomitas a mans dos nabateos considéranse como o exterminio sagrado do día da ira do Señor e como acto salvífico en honor de Iavé, pois Edom participou cos exércitos de Nabucodonosor na caída de Xerusalén no 587 (cf **63**, 1; Sal **137**, 7; Lam **4**, 21-22; Ez **25**, 12; Abd **10-16**).
*Bosrah* era unha cidade importante de Edom.
**34**, 5 *Aparece* (lectura dos documentos de Qumrân e dos targum); o texto heb. le: "está borracha".

ninguén cruzará por ela.
[11]Collerana en posesión o pelicano
e o ourizo cacho,
o ibis e mais o corvo morarán nela.
O seu enterrador estenderá sobre ela
o cordel da Devastación,
e as pedras da Nada.
[12]Alí non quedará nada
que se chame reino,
e todos os seus príncipes terán fin.
[13]O espiño medrará nos seus palacios,
a estruga e mais o cardo nas súas torres.
Alí estará o campo de chacais
e o cercado para os pitos da avestruz.
[14]Alí atacarán os gatos monteses ás hienas,
e o sátiro chamará polo seu compañeiro.
Tamén Lilit se establecerá alí,
e dentro dela atopará lugar de acougo.
[15]Alí fixo o niño a serpe agatuñadora
e logo escapou, pero chocará os ovos,
xuntándoos no seu escondedoiro.
Tamén alí se axuntarán os voitres,
cada un co seu compañeiro.
[16]Buscade no libro do Señor e lede:
"Ningún deles se perderá,
cada un mirará polo seu compañeiro".
Si, ordenouno a boca do Señor,
e o seu espírito xuntounos.
[17]El mesmo botou as sortes para eles,
e a súa man fixo a repartición
co cordel de medir,
para sempre posuirán eles o país,
habitarán nel de xeración en xeración.

### Transformación gloriosa de Xerusalén

**35** [1]Que se alegren o deserto
e mais a terra reseca,
que brinque de ledicia a estepa
e que floreza!
Que, coma o lis,
[2]floreza abundantemente,
que brinque en exultante danza!
Concedéuselle a gloria do Líbano,
o esplendor do Carmelo e do Xarón.
Eles mesmos verán a gloria do Señor,
o esplendor do noso Deus.
[3]Fortalecede as mans adormecidas,
e ponde firmes os xeonllos que tremen.
[4]Dicídelles aos de corazón tímido:
"Collede ánimo, non temades.
Velaí o voso Deus.
Chega a vinganza,
a recompensa de Deus.
Chega El mesmo, e salvaravos".
[5]Entón abriranse os ollos dos cegos,
e os oídos dos xordos destaparanse.
[6]Entón o coxo saltará coma un corzo
e a lingua do mudo cantará xubilosa.
Si, saen á luz augas no deserto
e ríos na estepa:
[7]a terra reseca convértese nunha lagoa,
e a terra sedenta en mananciais de auga.
No campo onde os chacais se tomban,
a herba converterase
en canivelas e xuncos.
[8]Alí haberá unha calzada, unha verea,
e á calzada chamaráselle Vía Sacra.
Nada impuro pasará por ela:
o mesmo Señor camiñará con eles,
e os homes non se desviarán.
[9]Non haberá alí león,
e ningún animal salvaxe subirá,
ningún se atopará.
Por alí camiñarán os redimidos,
[10]e os rescatados do Señor
volverán por ela,
entrarán en Sión con xúbilo,
felicidade eterna sobre as súas cabezas.
Conseguirán ledicia e felicidade,
pois o sufrimento e o pranto fuxirán.

**34**, 11-12 *O seu enterrador* ou escavador. Aquí, "o enterrador de Edom" é un cualificativo de Iavé, como expresión do seu poder de castigo. *O cordel* e o nivel, que serven para construír, aquí úsaos Deus para destruír.
**34**, 13-14 Os animais que se citan son os animais impuros, que viven nas ruínas. *Lilit* era un demo feminino propio de Mesopotamia, probablemente o demo da tempestade. No ambiente hebreo puido ser o demo da noite, pola proximidade fonética co heb. "láilah" (= noite). Así o entenden en Qumrân.
**34**, 15-17 Esta cita comentada dun texto anterior é característica dos textos apocalípticos. Refírese a Is **13**, 20-22, aínda que non responde fielmente a este texto por mor da cita, comentario e aplicación. Arredor do ano 500 aínda non existía un culto á letra do texto sagrado. O texto quere remarcar como a destrución de Edom é algo decretado por Deus, pois o voitre vive das preas.
**35**, 1-10 Literariamente é un himno profético. As imaxes e boa parte dos termos están tomados do II Is, pero nada no texto alude á volta dos exiliados, senón que todo se centra na transformación de Xudá e Xerusalén.
**35**, 1 *O deserto, terra reseca* e *estepa*: imaxes da triste situación de Xudá, que se cambiarán na leda imaxe do verdor.
**35**, 3-4 A transformación presenta aspectos máis humanos: a vinganza de Deus sobre Edom é sinal da intervención de Deus en favor do seu pobo.
**35**, 5-6 Unha serie de feitos milagrosos serán unha clara mostra da intervención salvífica de Deus. Nesa perspectiva hai que entender os milagres de Xesús (cf Mt **11**, 5; Feit **3**, 8).
**35**, 6b-7 A imaxe da transformación volve ao tema vexetal, coa auga que fai do deserto un oasis.
**35**, 8-10 *A Vía Sacra* non é a calzada do retorno dos exiliados, senón a calzada ou calzadas que levan a Sión. Nótese a coincidencia con Axeo e Zacarías no tema da pureza cúltica.
**35**, 10 *Sobre as súas cabezas*: a ledicia acompañaraos ao templo, coma os sacos na cabeza dos camiñantes.

# COMPLEMENTO HISTÓRICO

## Ameaza de Senaquerib contra Xerusalén

**36** [1]No ano catorce do rei Ezequías subiu Senaquerib, rei de Asiria, contra todas as cidades fortificadas de Xudá, para apoderarse delas. [2]O rei de Asiria enviou o ministro do Tesouro desde Láquix a Xerusalén, onda o rei Ezequías, cun grande exército. Este tomou posición xunto ao canal do estanque de arriba, no camiño do campo do bataneiro. [3]Entón saíron a xunto del o ministro do pazo real Eliaquim, fillo de Hilquías, o escriba Xebná e o chanceler, Ioah, fillo de Asaf. [4]O ministro do tesouro díxolles: –Dicídelle a Ezequías: Así fala o grande rei, o rei de Asiria: "Que clase de confianza é esa na que ti confías? [5]Pensaches que as meras palabras dos labios son o plan e a forza para a guerra? En quen confías, xa que te rebelaches contra min? [6]Olla, ti confías en Exipto, no apoio desa canivela rota e a quen se apoia nel penétralle a man e atravésalla; así é o rei de Exipto para todos os que confían nel.

[7]Pero certo que me vas dicir: 'É no Señor, o noso Deus, en quen confiamos!'. Acaso non foi El a causa de que Ezequías retirase os seus santuarios e os seus altares dos outeiros, e de que lles dixese a Xudá e a Xerusalén: Diante deste altar habedes de prostrarvos en adoración?". [8]Pois ben, aposta agora co meu señor, o rei de Asiria: douche dous mil cabalos, se es capaz de pór pola túa conta soldados de equipamento sobre eles. [9]De que xeito, pois, poderás facer recuar o ataque dun só gobernador de entre os máis pequenos servidores do meu señor? É aínda pola túa confianza en Exipto e nos seus carros e cabalos? [10]E ademais, acaso subín eu a este país para arrasalo sen o consentimento de Iavé? O Señor díxome: Sube a ese país, e arrásao.

[11]Entón Eliaquim, Xebná e Ioah dixéronlle ao ministro do tesouro: –Fálalles, por favor, aos teus servos en arameo, que nós entendemos, e non nos fales en xudeu aos oídos do exército que está sobre a muralla.

[12]O ministro do tesouro respondeu: –Acaso o meu señor me mandou soamente onda o teu señor e onda ti para pronunciar estas palabras? Acaso as palabras non van tamén para os homes que están sentados sobre a muralla, comendo o seu propio esterco e bebendo o seus propios ouriños a canda vós?

[13]Entón o ministro do tesouro púxose de pé e berrou con grandes voces en xudeu e dixo:

–Escoitade as palabras do grande rei, do rei de Asiria. [14]Así fala o rei: "Que non vos engane Ezequías, que el non é capaz de salvarvos. [15]Que non vos faga confiar en Iavé dicindo: 'Certo, o Señor hanos salvar; esta cidade non será entregada nas mans do rei de Asiria'. [16]Non lle fagades caso a Ezequías, que así fala o rei de Asiria: 'Facede comigo un pacto de bendición. Saíde para onda min; comede cada un da súa viña e cada un da súa figueira, e que beba cada un da auga do seu pozo, [17]ata que eu veña e vos colla para vos levar a un país coma o voso país, terra de trigo e de mosto, terra de gran e de viñas'. [18]Que non vos engane Ezequías dicindo: 'O Señor hanos salvar'. Acaso os deuses das nacións salvaron cada un ao seu país da man do

**36-39** Estes cc. están tomados de 2 Re **18**, 17-**20**, 19, a non ser Is **38**, 9-20 (a oración de Ezequías, que non aparece en 2 Re). O texto de 2 Re é máis longo ca o de Is, pero en realidade trátase de dúas recensións diferentes dun único texto. A preocupación fundamental deste complemento é presentarnos as máis importantes intervencións de Is na historia literaria do seu tempo, como remate da súa obra. A orde na que se presentan estas intervencións non é a do desenvolvemento dos feitos, que sería este: a) enfermidade e curación de Ezequías (entre os anos 705-702): Is **38**, en paralelo con 2 Re **20**, 1-11 e 2 Cro **32**, 24; b) visita do embaixador babilonio (anos 703-702): Is **39**, en paralelo con 2 Re **20**, 12-19; cf 2 Cro **32**, 26. 31; c) as dúas ameazas de Senaquerib (ano 701): Is **36-37**, en paralelo con 2 Re **18**, 17-**19**, 37.

**36**, 1 O nome do rei de Xudá "Hizqíah" é o mesmo que aparece na primeira parte como "Iehizqíah". Nós chamámoslle sempre Ezequías.

**36**, 2 *Ministro do Tesouro* (lit. "Grande escanciador", "Copeiro"). O nome do título ten resonancias das funcións primitivas do cargo.

**36**, 5 *As meras palabras* refírense á alianza con Exipto contra Asiria (cf v. 6).

**36**, 6 A imaxe da *canivela rota* emprégaa Is en **30**, 3. 7; 31, 3. Sobre o pre-anuncio do fracaso desta alianza, cf Is **19**, 1-15; **28**, 14-22; **30**; **31**, 1-3.

**36**, 7 O redactor prepara unha razón teolóxica, que responde á historia dos feitos, para basear o fracaso da expedición asiria. A unificación do santuario feito por Ezequías supón a teoloxía dos sacerdotes de Xequem emigrados a Xudá (cf Introd. ao Dt).

**36**, 8 *Cabalos*, cos carros e demais equipamento para os carros de combate. A aposta é clara, pero o ministro do Tesouro conta soamente coas forzas naturais coñecidas por el, e non cos plans de Deus.

**36**, 10 Neste v. volve o ministro do Tesouro a coller o argumento teolóxico do v. 7: é vontade de Deus o ataque a Xerusalén, pois Ezequías ofendeu a Iavé (cf **10**, 5-15).

**36**, 18-20 A diferenza radical entre a teoloxía asiria e a xudía, á parte do monoteísmo, é que, para o xudeu, Iavé intervén e mostra o seu poder a través da historia, mentres que para os asirios as divindades coñecen o futuro da historia, pero non interveñen nela, senón que esta se rexe por puras leis de poder. Esta oposición segue con valor para a fe cristiá.

rei de Asiria? [19]Onde estaban os deuses de Hamat e de Arpad? Onde estaban os deuses de Sefarvaim? Que! Algúns deles salvaron Samaria da miña man? [20]Quen foron entre todos os deuses destes países os que puideron salvar o seu país da miña man? Será precisamente Iavé quen libre a Xerusalén da miña man?".

[21]Entón eles quedaron calados e non lle responderon nin palabra, pois a orde do rei era nestes termos: "Non lle respondades".

[22]Logo o ministro do pazo real Eliaquim, fillo de Hilquías, o escriba Xebná e o chanceler Ioah cos vestidos rachados volveron onda Ezequías e déronlle a coñecer as palabras do ministro do tesouro.

### Consulta a Isaías

**37** [1]Cando o rei Ezequías viu isto, rachou os seus vestidos, cubriuse de saco e entrou no templo do Señor. [2]Logo mandou ao ministro do pazo real Eliaquim, ao escriba Xebná e aos máis vellos de entre os sacerdotes, cubertos de sacos, onda o profeta Isaías, fillo de Amós, [3]a dicirlle: –Así fala Ezequías: "O día de hoxe é día de angustia, de castigo e de desprezos, pois os fillos chegan á saída da matriz e non hai forza para parir. [4]Quizais o Señor, o teu Deus, oíu as palabras do ministro do tesouro que o rei de Asiria mandou para insultar o Deus vivente e o queira castigar polas palabras que o Señor, o teu Deus, escoitou. Fai, pois, subir unha oración polo resto que aínda queda".

[5]Entón os servidores do rei Ezequías foron onda Isaías, [6]e Isaías díxolles: –Así lle habedes dicir ao voso señor: "Así fala o Señor: Non teñas medo das palabras que oíches, coas que blasfemaron contra min os mozos do rei de Asiria. [7]Olla: eu vou pór nel un espírito, oirá un dito e volverá ao seu país; logo, no seu país, fareino caer coa espada".

[8]Cando o ministro do tesouro deu a volta, atopou ao rei de Asiria facendo a guerra contra Libnah, xa que oíra que marchara de Láquix. [9]Entón oín esta mensaxe acerca de Tirhacah, rei do Alto Exipto: "Saíu a pelexar contra ti", e fixolle caso ao dito.

### Segunda embaixada de Senaquerib

A continuación enviou mensaxeiros a Ezequías: [10]–Así lle falaredes a Ezequías, rei de Xudá, dicíndolle: "Que non te engane o teu Deus en quen ti confías, ao pensares que Xerusalén non será entregada na man do rei de Asiria. [11]Ti xa escoitaches o que os reis de Asiria lles fixeron a todos os países, entregándoos ao exterminio. E ti vaste salvar? [12]Os deuses dos pobos que meus pais arrasaron salváronse acaso? Gozán, Harán, Resef e xente de Edén que vivía en Telasar. [13]Onde está o rei de Hamat, o rei de Arpad e o rei de Lair, de Sefarvaim, de Hená e de Ivah?".

### Oración de Ezequías

[14]Entón colleu Ezequías o escrito da man dos mensaxeiros e leuno. Logo subiu ao templo do Señor e Ezequías mesmo o estendeu diante do Señor, [15]e Ezequías rezoulle ao Señor nestes termos:

[16]–Señor dos Exércitos, Deus de Israel, que tes trono de querubíns. [17]Achega, Señor, o teu oído, e escoita. Abre, Señor, os teus ollos, e mira. Si, escoita todas as palabras de Senaquerib, coas que mandou xente para insultar o Deus vivente. [18]É verdade, Señor! Os reis de Asiria destruíron todos os países e as capitais de cada un deles, [19]e botaron no lume os seus deuses, pois eles non son deuses, senón feitío de mans do home, pau e pedra, e por isto destruíronos. [20]Pero agora, Señor, noso Deus, sálvanos da súa man e todos os reinos da terra recoñecerán que ti, soamente ti, es o Señor.

**37**, 1-2 A actitude do rei e dos ministros e sacerdotes é a dunha liturxia de lamentación colectiva.
**37**, 3 *Os fillos chegan... para parir*: quizais sexa un refrán para expresar a situación especialmente angustiosa (cf **13**, 8; **26**, 17; Xer **4**, 3; Os **13**, 13, relativos ás dores do parto).
**37**, 4 Ao profeta pídeselle a oración de intercesión como home de Deus que é, e espérase del que reciba unha resposta do oráculo.
**37**, 6-7 O oráculo de Is é simplemente unha resposta sen elaborar poeticamente. *Un espírito* significa aquí unha decisión firme e inquebrantable, tomada a raíz dunha noticia que lle chegou.
**37**, 8-9 A retirada do ministro do Tesouro asirio débese á axuda que precisa Senaquerib ante o ataque do exipcio Tirhacah. Quizais retire parte do exército de asedio, pero non todo.
**37**, 9b-38 Non parece tratarse dun segundo relato do mesmo feito, senón dunha segunda embaixada, aínda que 2 Cro **32** as simplifique nun só relato, pois tiveron que suceder nun curto espazo de tempo, xa que a finalidade da embaixada é desmoralizar os asediados.
A actitude de Ezequías é a do rei responsable, que cre no poder de Deus (v. 20) e simplemente reafirma a súa fe. A intervención do profeta é un afondamento no oráculo dos vv. 6-7, resultando un oráculo contra o rei asirio (vv. 22-29. 33-34), quedando como oráculo salvífico para Xerusalén soamente os vv. 30-32. 35.
**37**, 10-13 No discurso de desgaste psíquico de Senaquerib xa non se fala da axuda exipcia, senón do absurdo da esperanza na divindade, pois a oposición do etíope Tirhacah xa non existe.
**37**, 14-20 A oración de Ezequías non se encadra na liturxia da lamentación colectiva, senón que é un reforzarse da fe do rei no oráculo salvífico do v. 7.

**Intervención de Isaías**

I. *Oráculo contra Senaquerib*

21Logo Isaías, fillo de Amós, mandou a
dicirlle a Ezequías: –Así fala o Señor, Deus
de Israel, a quen ti lle rezaches por causa de
Senaquerib, rei de Asiria. 22Estas son as pala-
bras que acerca del dixo o Señor:

A virxe, filla de Sión, desprézate,
búrlase de ti.
A filla de Xerusalén move a cabeza
por detrás de ti.
23A quen ofendiches e insultaches?
Contra quen levantaches a voz
e levantaches cara arriba os teus ollos?
Contra o Santo de Israel.
24Por mediación dos teus servos
ofendiches o Señor, pois dicías:
"Coa multitude dos meus carros de guerra,
eu mesmo subín ao alto das montañas,
aos mesmos cumes do Líbano.
Cortei os troncos dos seus cedros,
o máis escollido dos seus cipreses.
Si, cheguei ao máis alto do seu cume,
ao máis espeso da súa foresta.
25Eu mesmo cavei
e bebín augas estranxeiras,
e sequei coa planta dos meus pés
todos os brazos do Nilo de Exipto".
26Acaso non oíches?
Hai moito tempo que o veño facendo,
desde os tempos de antes
véñoo planeando, agora fíxeno chegar;
e ti fuches quen arrasou:
moreas de pedras que proveñen
de cidades fortificadas!
27e os seus habitantes, impotentes,
aterrorizáronse e avergonzáronse;
foron herba do campo, verdume das leiras,
herba tenra dos tellados
abrasada coa presenza do vento leste.
28O teu reinar, o teu saír e o teu entrar
das campañas militares, eu coñecino,
e tamén o teu opoñerte a min.
29Porque te opuxeches a min
e porque a túa soberbia
chegou aos meus oídos,
porei o meu anel de ferro no teu nariz
e o meu freo nos teus beizos,
e fareite volver do vieiro
por onde andaches.

II. *Sinal salvífico para Xudá*

30Este será para ti o sinal: Comeredes neste
ano o que brota de seu, e o ano que vén co-
meredes o que volva a brotar; pero no tercei-
ro ano sementade e colectade, plantade viñas
e comede o seu froito. 31Si, os escapados da
casa de Xudá que queden, volverán a enraizar
por abaixo e darán froito por arriba. 32De Xe-
rusalén sairá un resto, o escapado do monte
Sión. O celo do Señor dos Exércitos fará isto.

C. *Síntese dos dous oráculos anteriores*

33Velaí: así fala o Señor acerca do rei de
Asiria:

Non volverá a esta cidade
nin lanzará aquí frechas,
non estará diante dela con escudos,
nin levantará contra ela terrapléns.
34Polo camiño por onde veu, volverá;
pero nesta cidade non entrará
–é o Señor quen fala–.
35Eu protexerei esta cidade, salvándoa,
por mor de min mesmo
e do meu servo, David.

36Entón o anxo do Señor saíu e feriu a cen-
to oitenta e cinco mil homes no campamento
de Asiria, e cando chegou a mañá, todos eles
eran corpos mortos. 37Entón Senaquerib, o rei
de Asiria, púxose en movemento, marchou e
volveu reinar en Nínive. 38E, cando estaba
prostrado en adoración no templo de Nisrok,
o seu deus, os seus fillos Adramelec e Saréser
matárono coa espada. Eles escaparon para o
país de Ararat e logo, no seu posto, subiu ao
trono o seu fillo Esar-Hadón.

**37**, 21-35 A intervención de Is ten todo o xeito de ser un desenvolvemento do oráculo dos vv. 6-7, ao que o profeta dá estrutura tripartita: I) vv. 22-29: oráculo contra Senaquerib; II) vv. 30-32: sinal salvífico para Xudá; e III) vv. 33-35: síntese dos dous oráculos anteriores, relacionados entre si. Esta elaboración é froito do talento e meditación poética de Is, e busca confirmar e fortalecer a fe do rei e do pobo na palabra de Deus. Nótese a importancia destes textos para a comprensión e coñecemento da relación entre a experiencia profética e a elaboración poética dos oráculos.

**37**, 25 *Estranxeiras*: lemos así, con 2 Re **19**, 24 e cos documentos de Qumrân.

**37**, 27 *Vento leste*: lemos así, cos documentos de Qumrân.

**37**, 28 *O teu saír e o teu entrar das campañas militares* quere expresar a totalidade da actividade do reinado de Senaquerib.

**37**, 29 Pola *soberbia* de Senaquerib, Deus amansarao como a un becerro (argola no fouciño) e como a un cabalo (freo).

**37**, 36 A intervención do anxo hai que entendela como unha peste, que, ademais, entra dentro das máis obvias eventualidades dun longo asedio. Heródoto (en II, 141), refire unha praga de ratas que roen as cordas dos arcos.

**37**, 38 Estes datos, que no fondo coinciden cos documentos asirios e babilónicos, queren presentar a impotencia da divindade asiria para salvar ao seu piadoso rei. As pequenas diferenzas entre o relato bíblico e os documentos asirios e babilonios, afectan aos nomes dos fillos de Senaquerib e ao templo de Nisrok (= Marduk).

### Enfermidade e curación de Ezequías

**38** [1]Naqueles días Ezequías caeu enfermo de morte, e o profeta Isaías, fillo de Amós, foi onda el para dicirlle: –Así fala o Señor: Dá ordes á túa casa, que estás morrendo e non seguirás vivindo.

[2]Entón Ezequías volveu o seu rostro cara á parede e rezoulle ao Señor: [3]–Ah, Señor, lémbrate por favor, de que camiñei na túa presenza con fidelidade e con corazón enteiro, e de que fixen o que está ben aos teus ollos.

E chorou Ezequías con grande pranto. [4]Logo veulle a palabra do Señor a Isaías nestes termos: [5]–Vai e dille a Ezequías: "Así fala o Señor, Deus de teu pai David: fixenlle caso á túa oración e ollei compracido para as túas bágoas. Eu engado sobre os teus días quince anos. [6]Librareite a ti e esta cidade do puño do rei de Asiria, e protexerei esta cidade. [7]Si, este será da parte do Señor o sinal de que cumprirá esta palabra que falou: [8]Velaí: vou facer recuar a sombra os mesmos chanzos que baixou pola escaleira de Acaz: dez chanzos para atrás".

Entón o sol recuou dez chanzos para atrás, os chanzos que baixara.

### Oración de Ezequías

[9]Escrito de Ezequías, rei de Xudá, de cando estivo enfermo e reviviu da súa enfermidade:

[10]"Eu pensaba: Teño que marchar
na metade dos meus días,
estou posto ás portas do xeol
para o resto dos meus anos.
[11]Pensei: xa non poderei ver o Señor,
o Señor que está no país da vida,
xa non volverei contemplar a terra,
estarei cos que moran
no mundo dos mortos.
[12]A miña morada éme arrancada
e enrolada, coma a miña tenda de pastor.
Estendín coma unha tea a miña vida,
pero córtanme a urda.
Abandonáchesme desde o día ata a noite,
[13]pido auxilio ata a mañanciña.
Igual ca un león,
alguén esnaquiza os meus ósos,
desde o día ata a noite abandonáchesme.
[14]Coma unha andoriña, así estou piando,
arrolo coma unha pomba.
Os meus ollos levantáronse
cara ao Altísimo,
pero o meu Señor oprimiume,
cubriume de escuridade.
[15]Que direi? pensei para min.
Se foi El quen o fixo.
Amareino todos os meus anos,
a pesar das amarguras da miña vida.
[16]Ti, Señor, estás por enriba das amarguras;
volveranse felicidade,
e a felicidade do meu espírito
será superior a todo o que hai nelas.
Si, volverasme san e farasme feliz:
[17]o meu amargo sufrimento
volverase felicidade.
Ti mesmo preservaches a miña vida
do pozo da destrución,
pois botaches sobre o teu lombo
todos os meus pecados.
[18]Porque o xeol non che dá grazas,
nin a morte loanza,
non esperan a túa fidelidade
os que baixan ao xeol.
[19]O que vive, e vive feliz, é quen te loa,
o mesmo ca min hoxe.
O pai ensinaralles aos fillos
a túa fidelidade.
[20]Señor, ti salváchesme:
tocaremos as miñas arpas
todos os días da nosa vida
no templo do Señor".

**38**, 1-22 Os vv. 1-8. 21-22, teñen un paralelo máis extenso en 2 Re **20**, 1-11, que probablemente é un desenvolvemento do texto de Is; non obstante Is contén como sección propia o salmo de acción de grazas individual (vv. 9-20). 2 Cro **32**, 24 resume todo este episodio nun v., sen referirse á intervención de Is.
**38**, 1 Esta intervención de Is non é unha misión profética, senón un consello de amigo que lle vén dicir que faga testamento.
**38**, 3 Este v. resume a lamentación individual do enfermo no momento de perigo (cf Introd. aos Salmos).
**38**, 5 Tendo en conta que o rei morreu entre o 690 e o 687, a data da enfermidade debeu ser entre o 705 e o 703. Coincidiu coa liberación do perigo asirio (cf v. 6).
**38**, 7 O coñecer a aceptación da lamentación individual era exclusivo dos profetas cúlticos e aquí do profeta carismático, que ofrece ao enfermo un verdadeiro sinal do seu oráculo. Arqueoloxicamente non consta a existencia de reloxos de sol nesta época. O sentido do sinal é que, o mesmo que Deus é capaz de alongar o día, é tamén capaz de alongar os días da vida de Ezequías.
**38**, 9-20 Trátase dun salmo de acción de grazas individual, sen dúbida composto por Is. Non deben implicar dificultade os vv. 10-15, pois o característico destes salmos é que o orante recorde a historia pasada e repita a súa confianza en Deus, para proclamar publicamente a grandeza do feito liberador de Deus.
**38**, 9 *Reviviu*: xa que a enfermidade para o semita é xa unha morte, ao considerar "vida" soamente a "vida feliz".
**38**, 18 *O xeol* ten aquí dobre sentido: o de divindade mítica do mundo subterráneo (Mot), e o de lugar onde moran os mortos cunha vida incapaz de felicidade (segundo as concepcións do século VIII a. C.; cf nota a **5**, 14).

21Entón dixo Isaías: –Collede unha cataplasma de figos e póndella sobre o tumor, e vivirá.
22Entón dixo Ezequías: –Cal é o sinal de que subirei ao templo do Señor?

**Embaixada babilónica e xuízo acerca dela**

**39** 1No tempo aquel o rei de Babilonia Merodak-Baladán, fillo de Baladán, mandou funcionarios e regalos a Ezequías xa que oíra que estivera enfermo e se puxera bo. 2Ezequías alegrouse moito con eles, e mostroulles a casa do tesouro, a prata e mais o ouro, o bálsamo e mais os aceites preciosos, e toda a súa adega; e todo o que se atopaba nos seus almacéns; non houbo cousa que non lles ensinase no seu pazo e en todo o seu dominio. 3Entón foi o profeta Isaías onda o rei Ezequías e díxolle: –Que dixeron eses homes? De onde viñeron onda ti?

Contestoulle Ezequías: –Viñeron onda min dun país afastado, de Babilonia.
4El volveulle preguntar: –Que viron no teu palacio?

Respondeu Ezequías: –Viron todo o que hai no meu palacio; non houbo cousa nos meus almacéns que eu non llela mostrase.
5Entón Isaías díxolle a Ezequías: –Escoita a palabra do Señor dos Exércitos: 6"Velaí chegan días nos que será levado a Babilonia todo o que hai no teu palacio e todo o que amorearon os teus pais ata o día de hoxe; non quedará cousa ningunha desas –díxoo o Señor–. 7Tamén collerán algúns dos teus fillos, aos que ti xeraras, e serán oficiais no pazo do rei de Babilonia".
8Entón díxolle Ezequías a Isaías: –É boa a palabra que o Señor pronunciou. Pois pensaba: Cando menos que haxa paz e seguridade nos meus días.

## DEUTEROISAÍAS

**Poema vocacional: chamada á consolación**

**40** 1Consolade, consolade o meu pobo:
dío o voso Deus.
2Faládelle ao corazón de Xerusalén;
si, dicídelle ben alto
que a súa milicia está cumprida,
que a pena pola súa culpa está aceptada.
Si, xa recibiu da man do Señor
o dobre por todos os seus pecados.
3Unha voz clama:
"No deserto preparádelle
o camiño ao Señor.
Endereitádelle na estepa
a calzada ao noso Deus.
4Que todo val sexa levantado,
que todo monte e outeiro sexa rebaixado;
que a terra fragosa se volva unha chaira;
e as ladeiras, un val achanzado.
5Pois vaise revelar a gloria do Señor,
e toda carne verá o Único.
Falou a boca do Señor".
6Unha voz di: "Clama".
El responde: "Que vou clamar!".
"Que toda a carne é herba;
e toda a fidelidade da carne,
flor do campo.
7Seca a herba, murcha a flor,
cando o alento do Señor sopra nela.

**38**, 21-22 Desprazáronse estes vv. do seu lugar lóxico, (despois do v. 8), para englobar dentro do relato a súa parte culminante a curación de Ezequías, como signo da liberación da cidade.
**39**, 1-2 A intención da embaixada é a constitución da liga antiasiria, como o deixan ver as cousas que Ezequías lles mostra.
**39**, 3-8 A finalidade desta premonición do saqueo e deportación de Babilonia, que pode moi ben provir da escola isaiana, ten a finalidade de vincular o I Is co II Is, e quizais esta sexa a razón da transposición dos cc. **38-39** despois dos cc. **36-37**, que refiren feitos historicamente posteriores.
**40**, 1-11 Poema de catro estrofas, sobre a vocación do profeta á misión consoladora do pobo deportado. O grupo de discípulos, arredor do profeta, participan da súa misión.
**40**, 1-2 Chamada á consolación do pobo. O pagamento das culpas considérase como un servizo militar forzoso, e como pagamento merecido por un roubo, debendo satisfacer o dobre (cf Éx **22**, 2. 5. 8; Xer **16**, 18).
**40**, 2 *Faládelle ao corazón*. Esta expresión aparece case sempre nun contexto de planificación dun futuro matrimonio (cf Xén **34**, 2; **50**, 21; Xuí **19**, 3; Rut **2**, 13; Os **2**, 16). Refírese, máis ca aos sentimentos, aos plans e decisións, concretándose neste caso no restablecemento da alianza entre Deus e o pobo (cf Os **2**, 16).
**40**, 3-5 Invitación divina a prepararlle o camiño ao Señor, que vén a Xerusalén en ruínas para revelar a súa gloria, en presenza salvífica. O autor toma pé dos percorridos cúlticos procesionais babilónicos. Deus válese de Ciro na súa obra de liberación.
A misión profética do Bautista prepara a definitiva manifestación salvífica en e por Xesús. Por ese motivo os evanxeos sinópticos, lendo o texto de Is nos LXX, consideran a Xoán como ese mensaxeiro que prepara os camiños do Señor.
**40**, 5 *Toda carne*. A liberación non afecta soamente a Israel, senón a todos os pobos sometidos ao dominio babilónico.
**40**, 6-8 Danse aquí unha voz que substitúe á teofanía, e o diálogo, propio dos relatos vocacionais proféticos. Constátase a debilidade e caducidade da herba e da flor, coa perenne firmeza e estabilidade da palabra de Deus que transmite o profeta.

Si, o pobo é a herba.
[8]Seca a herba, murcha a flor,
pero a palabra do noso Deus
mantense firme para sempre".
[9]Sube a un monte alto,
mensaxeira de Sión,
levanta con forza a túa voz,
mensaxeira de Xerusalén,
levántaa, non teñas medo.
Dilles ás cidades de Xudá:
"Velaí o noso Deus.
[10]Velaí o meu Señor Iavé
que chega con poder;
si, o seu brazo domina.
Velaí a súa paga con el,
o seu xornal diante del.
[11]Igual ca un pastor, pastorea o seu rabaño,
recólleo co seu brazo,
leva aos añiños no seo
e protexe os que aínda maman".

**A grandeza de Deus fronte aos ídolos, luz para o pobo**

[12]Quen mediu coa súa man a auga do mar?
Quen mantén fixo o ceo coa súa palma?
Quen colleu en tres puñados
o po do mundo?
Quen pesou os montes coa romana
e os outeiros coa balanza?
[13]Quen creou o espírito do Señor?
Quen é o seu conselleiro, que o instrúa?
[14]Con quen se aconsella para entender?
Quen lle fixo coller práctica
en sentenciar con xustiza?
Quen lle ensinou a ciencia?
Quen o instruíu no camiño da intelixencia?
[15]Velaí as nacións:
son coma pinguiña dentro da sella;
son coma unha area na balanza.
Velaí as illas: pesan coma o po.
[16]O Líbano non chega para facer a queima,
os seus animais non chegan
para un holocausto.
[17]Todos os pobos son nada
en comparación con El,
son considerados nada e baleiro
en comparación con El.
[18]Con quen asemellaredes a Deus?
Que semellanza lle buscaredes?
[19]Un artista funde co metal
a imaxe dun deus,
logo o ourive recóbrea de ouro,
ao mesmo tempo que funde
unha cadea de prata.
[20]O superintendente da ofrenda
escolle un pau que non podreza,
busca un artista experto, para que del faga
un ídolo que non se mova.
[21]Non o sabedes? Non o oístes?
Non se vos anunciou desde un principio?
Non o entendestes
desde que se fundamentou a terra?:
[22]Que El reina sobre o orbe da terra,
e que os habitantes da terra
son coma saltóns;
que el estende coma unha cortina o ceo,
esténdeo coma unha tenda onde habitar;
[23]que converte aos xefes en nada,
aniquila os árbitros do mundo.
[24]Non están aínda plantados,
non están aínda sementados,
aínda o seu plantón non enraizou a terra,
sopra neles e secan,
o vendaval levántaos coma ao coaño.
[25]Con quen me asemellaredes,
a quen serei comparable? –di o Santo–.
[26]Levantade os vosos ollos ao alto,
ollade: Quen fixo esas cousas?

**40**, 9-11 Mensaxe para Xerusalén e para as outras cidades de Xudá, anunciándolles a chegada do Señor, que domina, e que pastorea con agarimo o seu pobo.
**40**, 9 *Mensaxeira* (heb. "mebaséret"). Trátase dunha forma feminina. Tamén os verbos están en feminino. Ten que se referir ao grupo de mulleres que esperaban a chegada do rei vitorioso para celebrar a vitoria. Os LXX traduciron "euangelistes", alusivo ao soldado que corría para anunciar a vitoria e preparar así o recibimento triunfal.
**40**, 11 En toda a cultura oriental, incluída a grega, o pastor é símbolo do rei que protexe e coida ao seu pobo (cf Xer **23**, 1-6; Ez **34**; Mt **18**, 12-14 e paral. de Xn **10**, 1-18).
**40**, 12-31 Toda esta sección é un himno á grandeza omnipotente de Deus, mostrada na creación. As repetidas interrogacións son a forma máis usada nos himnos, para destacar os seus contidos. Nótese que o feito creacional non lle interesa ao autor como feito arqueolóxico, senón en canto que é a base do dominio de Deus sobre a creación e a historia (vv. 21-24). O himno está cortado por dúas estrofas alleas ao xénero, pero centrais para a súa comprensión: vv. 19-20 (que tratan da fabricación dos ídolos con acentos de escarnio), e o v. 27 (referencia á crise de fe dos exiliados en Iavé). Conclúe cunha invitación á esperanza en Iavé (v. 31), que non é allea aos himnos. Este himno é unha preparación á páxina de teoloxía da historia do cabo do exilio, que segue no c. **41**: non son os ídolos (Marduk), que reciben a súa consistencia do artista, senón Iavé o poderoso Señor da Historia, que salva o seu pobo que pon nel a súa esperanza.
**40**, 12 *Tres puñados*: o hebreo soamente di "tres", pero con artigo determinado, que se refire ao "puñado" ou man.
**40**, 13 *Creou*: tal é o sentido da forma causativa do verbo "kun".
**40**, 20 *Superintendente*: algo semellante a gobernador, administrador (cf Sal **139**, 3).
**40**, 21 O autor fai remontar a fe no Deus creador ás orixes da creación mesma, co que expresa enfaticamente o seu carácter tradicional.

O que fai saír con orde o exército celeste,
e a todo el o chama polo nome,
coa enormidade do seu poder,
coa súa vigorosa forza, e non falta ningún.
27 Xacob, por que dis?
Israel, por que afirmas:
"O meu comportamento
está escondido para o Señor,
ao meu Deus esqueceulle
a sentenza ao meu favor"?
28 Pero ti, non o sabes? Non o tes oído?:
O Señor é Deus da Eternidade,
El creou os extremos do mundo
e non está canso nin fatigado,
a súa intelixencia é insondable.
29 El dálle forza ao cansado,
ao que non ten enerxía
multiplícalle o vigor.
30 Os mozos cansan e fatigan,
os atletas escolleitos tropezan e caen;
31 pero aos que teñen esperanza no Señor
renóvanselles as forzas,
soben con ás de aguia:
corren, e non se fatigan;
camiñan, e non cansan.

**Deus suscita un xusto que trae consigo a paz**

**41** 1 Gardade silencio:
Eu fortalezo as nacións costeiras,
as nacións renovan as forzas.
Que se acerque, e falarán;
reunámonos para o xuízo.
2 Quen suscita do oriente un xusto?
Quen o chamará ante o seu trono?
Quen lle pon diante os pobos?
Quen lle somete os reis?
Quen fixo
as súas espadas numerosas coma o po
e os seus arcos coma palla esparexida?
3 Quen os persegue,
deixando paz ao seu paso,
sen tocar o camiño cos seus pés?
4 Quen obrou e fixo isto?
O que convoca á existencia ás xeracións
desde un principio.
Eu, o Señor, o Primeiro.
Tamén cos derradeiros estarei eu.
5 As nacións costeiras veno e collen medo,
os confíns da terra tremen,
pero acercaranse e virán.
6 Cada un axudará ao seu próximo
e diralle ao seu irmán: "Ten ánimo!".
7 O tallista animará ao ourive,
ao que pule co martelo,
ao que malla na zafra;
diralle da lámina incrustada: "Está ben";
e logo aseguraraa con cravos
para que non se mova.

**Oráculo salvífico: Deus axuda e redime**

8 Ti, Israel, es o meu servo;
Xacob, ti es quen eu elixín;
ti es a descendencia de Abraham,
que me amaba;
9 ti es quen eu collín dos confíns da terra
e a quen chamei desde os seus extremos.
Díxenche: Ti es o meu servo,
quen eu escollín e non rexeitei.
10 Non teñas medo, que estou contigo;
non mires con medo,
que eu son o teu Deus.
Fortalecinte e axudeite,

**40**, 31 Esta chamada á confianza en Iavé hai que poñela en relación coa interpretación da historia do triunfo de Ciro, que segue en **41**, 1-7.
**41**, 1-7 Estes vv., aínda que conceptualmente son un complemento do himno anterior, literariamente constitúen unha unidade distinta, pois son un himno profético. A idea central vén sendo esta: Iavé, o Señor da historia (vv. 4ss), é quen suscita ao *xusto* (Ciro) e quen lle somete os pobos e os reis; esa divindade non pode ser Marduk, que depende da habilidade e seguridade que os homes lle dan (v. 7; cf **40**, 19-20).
**41**, 1 *Eu fortalezo*: a forma verbal hebrea significa prevalecer, vencer, gañar. *Nacións costeiras*: refírese a Persia, que é costeira no golfo do seu nome.
O *xuízo* de que se fala é o plan de Deus de traer a paz mediante o xusto (Ciro) que El suscita do Oriente.
**41**, 2 *Trono*: lit. "pés".
**41**, 3 Deus persegue mediante Ciro aos pobos, pero esta persecución trae detrás de si a paz e a fartura, pois quen persegue é a gloria de Deus, que nin sequera toca o camiño cos seus pés.
**41**, 5 Este medo non impide achegarse, senón que provoca esta proximidade, pois é a experiencia relixiosa da divindade, actuando de xeito salvífico a través da historia de Ciro.
**41**, 8-20 Oráculo salvífico, composto poeticamente, presentando primeiro unha serie de títulos, nos que basea Deus a salvación do seu pobo (vv. 8-9). Segue unha chamada á confianza nel (vv. 10. 13. 14), o triunfo sobre os inimigos (vv. 11-12. 15-16), e o esplendor da renovación do pobo sedento, que se ve convertido nun verxel (vv. 17-20).
**41**, 8 O servo de Iavé é aquí o pobo, a quen El elixiu e amou: servo non ten sentido pexorativo, senón que é un verdadeiro título, a persoa de máis cumprida confianza.
**41**, 9 A deportación do pobo non é sinal de rexeitamento por Deus, senón a ocasión histórica para mostrar que é o seu pobo preferido, co que mostrará o seu poder.
**41**, 10 *A destra* é a man do favor e do auxilio (cf v. 13). Xustificación (lit. "xustiza"), entendida como realidade dinámica do obrar salvífico de Deus.

collinte coa miña destra xustificante.
[11]Velaí: avergonzarán e serán aldraxados
todos os que rabiaban contra ti,
serán coma nada e perecerán
os homes que loitan contra ti;
[12]buscarás e non atoparás
os homes que rifan contigo,
serán coma nada e nulidade
os homes que guerrean contra ti,
[13]porque eu, o Señor, son o teu Deus,
que te collo da man dereita.
Eu son quen che digo: Non teñas medo.
Eu son quen te axuda.
[14]Non teñas medo, verme de Xacob,
bechiño de Israel, Eu son quen te axuda
–é o Señor quen fala–;
si, o que te redime, o santo de Israel.
[15]Eu convértote en carro de trilla,
novo, con dentes:
trillarás os montes e volveralos po,
converterás os outeiros en coaño.
[16]Esparexeralos, botándoos ao vento,
e o vendaval espallaraos.
Entón ti brincarás de ledicia polo Señor,
alegraraste polo Santo de Israel.
[17]Os pobres e os necesitados buscan auga
e non a hai, a súa lingua seca coa sede.
Eu, o Señor, respondereilles;
eu, o Santo de Israel, non os abandonarei.
[18]Abrirei regueiros nas gándaras peladas;
e no medio dos barrancos, mananciais,
converterei o deserto nun pozo de auga,
e a terra seca en fontes.
[19]Porei no deserto
cedros, acacias, buxos e oliveiras,
porei xuntos na estepa
amieiros, olmos e cipreses,
[20]para que todos vexades e saibades,
para que vos apliquedes e vos decatedes
de que a man do Señor fixo isto
e o Santo de Israel o creou.

**Polémica contra os ídolos**

[21]Presentade a vosa defensa,
aducide as vosas probas,
dixo o Rei de Xacob.
[22]Alegade e mostrádenos
o que vai acontecer,
mostrádenos cales foron as cousas pasadas
e prestarémoslles atención.
Entenderiamos as cousas futuras
se anunciásedes o que ha de vir.
[23]Mostrádenos o que ha de vir para o futuro,
e recoñeceremos que vós sodes deuses.
Facédenos, pois, algún ben ou algún mal,
que todos nós vos ollaremos con respecto
e terémosvos medo.
[24]Velaí: non sodes ninguén,
velaí os vosos feitos, que non son nada:
elixirvos a vós é unha abominación.
[25]Eu fágoo xurdir do norte,
e vén desde o nacente do sol;
será chamado por causa do meu nome.
El esmaga os nobres coma se fosen barro,
o mesmo que o oleiro pisa o barro.
[26]Quen o deu a coñecer
desde un principio?, que o recoñeceremos.
Quen desde o tempo pasado?,
que lle diremos:
"Este é o xusto".
Non, ninguén o deu a coñecer;
non, ninguén o anunciou;
non, ninguén oíu os vosos ditos.
[27]O primeiro é Sión: velaí fala;
si, deille a Xerusalén
un mensaxeiro de paz.
[28]Ollei, e non había un; ollei entre aqueles,
e non había quen aconsellase.
Se lles preguntase,
devolveríanme a pregunta.
[29]Velaí, todos eles son ninguén;
os seus feitos non son nada;
as súas imaxes fundidas, vento e nada.

**41**, 11-12 Os opositores dos desterrados son os babilonios, que non soamente foron os deportadores, senón os opresores da fe do pobo coas súas teoloxías triunfalistas.

**41**, 14 Cf Lev **25**, 23-28. 47-49; Núm **35**, 19-27; Rut **2**, 12-**4**, 14. Pola elección do pobo, Iavé séntese membro da familia de Israel, pois é o Santo de Israel e por iso é o seu redentor (cf Rm **3**, 24).

**41**, 15-16 A imaxe da trilla alude aos inimigos vencidos e humillados; estaba baseada nos brutais castigos dos asirios aos vencidos.

**41**, 17-20 A sede do pobo esixe de Deus unha resposta: Deus enche o deserto de mananciais e de árbores de todo xeito: é así como presenta o autor a recreación do pobo na súa realidade salvífica nova, por obra do Señor.

**41**, 21-29 Texto da polémica anti-idolátrica do II Is, no que o autor nega a validez da teoloxía babilónica, que recoñece en Marduk a divindade que suscita a Ciro e o novo período salvífico, pola razón de que os deuses babilónicos nada predixeron sobre Ciro, mentres que Iavé si. O argumento é o seguinte: dunha divindade que non anuncia previamente a historia futura, non se pode dicir dela que dirixe a historia, e polo tanto non é unha divindade salvífica.

**41**, 25 O profeta contrapón a acción de Iavé coa ineficacia dos ídolos babilónicos.

**41**, 27 *Mensaxeiro de paz* (heb. "mebasser"): o que anuncia a vitoria (cf nota a **52**, 7).

**41**, 28 A quen o profeta olla é aos ídolos babilónicos e aos seus profetas. Os razoamentos do profeta lévano a un monoteísmo, pois soamente Deus se revela a través da historia.

### Primeiro poema do Servo de Iavé. Oráculo salvífico

**42** [1]Velaí o meu servo,
a quen teño collido da man;
velaí o meu escollido
no que eu me comprazo.
Teño posto sobre el o meu espírito:
ditaralles sentenza xusta ás nacións.
[2]Non berrará, non levantará a súa voz
nin a fará oír nas rúas.
[3]Canivela fendida non a romperá,
e torcida esmorecente non a apagará.
Con fidelidade proclamará a xustiza,
[4]non desfalecerá nin crebará
ata establecer na terra a xustiza
e a súa lei, que esperan as nacións.
[5]Así fala Deus, o Señor,
o que crea o ceo e o estende,
o que sustenta a terra e os seus produtos,
o que lle dá alento ao pobo
que hai sobre ela,
e espírito aos que camiñan por ela:
[6]Eu, o Señor, chameite por causa da xustiza,
collinte pola man e protexinte,
e convertinte en Alianza dun pobo
e en luz das nacións,
[7]para que lles abras os ollos aos cegos,
para que libres do cárcere aos presos,
da prisión aos que viven na escuridade.
[8]Eu, Iavé, este é o meu Nome!
A miña gloria a outro non lla dou;
nin a miña loanza aos ídolos.
[9]As antigas predicións xa chegaron,
e as novas estounas a anunciar:
antes de que despunten, fágovolas oír.

### Himno profético ao Deus salvador

[10]Cantádelle ao Señor un cántico novo;
a súa loanza, desde o confín da terra.
Serán humillados o mar
e todo o que o enche,
as ribeiras e os seus habitantes.
[11]Serán enaltecidos
o deserto e as súas cidades,
as fondas veigas onde habita Quedar.
Exultarán os habitantes de Sela,
berrarán ledos desde o cume dos montes.
[12]Daranlle gloria ao Señor,
e pregoarán nos países costeiros.
[13]O Señor sae coma un heroe,
coma un guerreiro excita a súa bravura,
berra, bota aturuxos de guerra,
contra os seus inimigos
mostra o seu poder:
[14]Levo quedo desde hai moito,
estou en silencio, contéñome.
Como a muller que está no parto, berro,
suspiro e acaso todo ao mesmo tempo.
[15]Vou asolar os montes e os outeiros,
vou secar todo o seu verdor;
vou converter os ríos en barrancos
e vou resecar as lagoas.
[16]Farei camiñar os cegos
por un vieiro que non coñecen,
por corredoiras descoñecidas fareinos ir.
Converterei diante deles

**42** 1-9 Segundo a moderna tradición esexética, temos aquí o primeiro cantar do Servo de Iavé, do que se di que cumpre as antigas predicións (cf **41**, 21-19), e sobre o que se anuncian outras novas. É difícil entender este oráculo salvífico en dúas estrofas (vv. 1-4. 5-9) sen referilo dalgún xeito a Ciro e aos seus primeiros avances vitoriosos. Con todo, as trazas do Servo fano unha figura ideal ao servizo do plan salvífico de Deus, que non impide unha esexese xudía que o refira ao pobo xusto e aos grupos ou escolas proféticas (LXX); a esexese cristiá ve nel a Xesús (cf Mt **12**, 18-21), como revelador do plan salvífico de Deus.

**42**, 1 *Servo* é aquí un título que se refire a que este personaxe secunda o plan de Deus, que amorosamente o escolleu para tal misión. O Espírito de Iavé móveo a realizar a xustiza, como fixera antes cos xuíces de Israel (Xuí **3**, 10) e co rei Mesías (**11**, 2). Se entendemos esta figura ideal referida aos grupos proféticos do exilio, non debemos esquecer as referencias do Espírito de Iavé ao carisma profético (cf **48**, 16; **61**, 1; Núm **11**, 24-30; Os **9**, 7; Xl **3**, 1-2).

**42**, 3 As referencias á *canivela fendida* e *á torcida esmorecente* do candil, poden aludir ás poucas esperanzas de prosperidade do resto do reino babilonio, que revivirán e prosperarán.

**42**, 6 Este v. pode aludir ás tradicións que nos refire Heródoto (I, 107-129) sobre a orixe rexia medo-persa do Ciro, o mesmo ca ao perigo da súa vida e á chegada a fusionar os dous reinos. No texto de Heródoto hai elementos míticos, pero non pode poñerse en dúbida a historicidade global do relato.

**42**, 7 A referencia aos cegos e presos alude aos exiliados, tanto xudeus como xentís.

**42**, 8-9 A importancia teolóxica do oráculo é que presenta toda a obra liberadora e pacificadora de Ciro como obra de Iavé que fai resplandecer a súa gloria, mentres que a dos ídolos queda fendida (cf Introd. ao II Is).

**42**, 10-17 Himno profético que quere cantar a salvación inminente de Deus en favor do pobo: por iso se lle xonguen elementos propios de oráculos salvíficos (vv. 13-16).

*Un cántico novo*: novo, non no tempo, senón na calidade, aludindo á nova creación do pobo e a unha nova situación.

**42**, 10 O tema creacional (v. 5) reaparece coa súa resonancia mítica do mar e dos elementos costeiros como desorde caótica, e co deserto e a terra firme como cosmos.

**42**, 11 *Quedar* era unha tribo nómade do deserto; e *Sela* era unha cidade edomita.

**42**, 13 A intervención militar de Ciro contra Babilonia considérase como guerra santa, na que toma parte principalmente Iavé, e con ela vai construír unha nova orde cósmica, semellante a unha segunda creación (v. 15), que traerá consigo a reforma das actitudes morais e relixiosas dos homes.

a escuridade en luz,
e as revoltas do camiño en dereitura.
Estas cousas fareillas;
si, non os abandonarei.
17Eles deron a volta cara atrás.
Avergonzaranse os que confían nos ídolos,
os que lles din ás imaxes fundidas:
"Vós sodes o noso deus".

**Israel: servo cego e mudo para comprender o plan de Deus**

18Escoitade vós, mudos!
Fixádevos ben para ver, vós, cegos!
19Quen é o cego, senón o meu servo?
Quen é o mudo,
senón o mensaxeiro que eu mandei?
Quen está cego? O meu enviado.
Quen está mudo? O servo do Señor.
20Olla moito, pero non cumpre;
abre os oídos, pero non fai caso.
21Por amor á súa xustiza,
o Señor quere engrandecer
e glorificar a súa lei.
22Pero este é un pobo saqueado e arruinado.
Todos eles están pechados en covas,
e presos no cárcere.
Serviron de botín,
e non houbo quen os librase;
serviron de pillaxe,
e non houbo quen dixese: "Devólveos".
23Quen de entre vós escoitará isto,
prestará atención e fará caso para o futuro?
24Quen entregou Xacob á pillaxe
e Xerusalén ao saqueo?
Acaso non foi o Señor
contra quen nós pecamos?
Si, non quixeron camiñar polo seu vieiro
nin fixeron caso da súa lei,
25por isto o Señor verteu sobre o pobo
o furor da súa ira e a súa forza de guerra,
que o consumiron de todo
sen que se decatase,
e que prenderon nel sen que o advertisen.

**O plan salvífico e de autorrevelación de Deus**

**43** 1Pois agora, así fala o Señor,
o teu creador, Xacob,
o que te formou, Israel:
Non teñas medo, que eu son o teu redentor;
impóñoche o meu nome: Ti-es-meu.
2Cando pases a través das augas,
eu estarei contigo;
cando pases a través dos ríos,
non te engulirán.
Cando pases a través do lume,
non te queimarás;
cando pases por entre as chamas,
non prenderán en ti.
3Porque eu son o Señor, o teu Deus,
o santo de Israel, o teu salvador.
Porei a Exipto de expiación túa;
a Cux e a Sebá poreinos no teu lugar.
4Porque ti fuches ben querido
aos meus ollos;
fuches glorificado, o meu predilecto;
e por isto, farei que a humanidade
expíe no teu lugar;
e que os pobos paguen pola túa vida.
5Non teñas medo, que eu estou contigo:
traerei desde o nacente a túa descendencia,
e desde occidente xuntareite,
6direille ao Norte: "Dámos",
e ao Sur: "Non os reteñas".
Tráeme os meus fillos desde lonxe,
e as miñas fillas desde o cabo da terra,
7todo o que se chama co meu Nome,
e todo o que creei para a miña gloria,
pois eu o formei e o fixen.
8Que saia un pobo cego, pero con ollos;
xordo, pero con oídos.

**42**, 18-25 A unidade destes vv., que abranguen diversos xéneros literarios, vén dada polo tema da incomprensión do pobo de Deus sobre o seu plan salvífico. Os vv. 18-20 son unha acusación contra o pobo pola súa falta de comprensión do plan salvífico de Deus, que despunta co xurdir da figura de Ciro. O v. 21 é unha exposición do plan de xustiza salvadora de Deus, que levará á glorificación da lei ou revelación de Deus. Os vv. 22-25 son unha confirmación da incomprensión do plan salvífico á volta do exilio, mediante a incomprensión da deportación mesma.
**42**, 18-19 O pobo, mensaxeiro de Deus, é o seu embaixador da salvación ante os pagáns oprimidos por Babilonia. O cego é o mundo, que non fai caso á revelación de Deus, e por iso é como un servo cego e mudo.
**42**, 22c-23 O profeta preséntase como o primeiro profeta salvífico do período do desterro; pero o pobo en xeral, asimilándose ao culto e á fe babilónicos, non comprende a mensaxe do II Is.

**43**, 1-15 Debemos considerar como formando un corpo o oráculo salvífico dos vv. 1-8, a auto-revelación do Señor mediante a predición e conseguinte salvación dos exiliados (vv. 9-13), e mais a caída de Babilonia, que o Señor vai levar a cabo (vv. 14-15). Cf o paralelismo con **41**, 1-29, agrupando os dous temas coa polémica antiidolátrica.
**43**, 1 A razón última da acción salvífica de Deus para o seu pobo é a elección divina, que se considera como a súa creación e constitución.
**43**, 2 As alusións ás *augas* e ao *lume* pódense considerar como alusións ao Éxodo (cf Núm **11**, 1-3 e Sal **66**, 12), ou ben como graves perigos dos que o Señor librará ao seu pobo.
**43**, 3 *Cux* e *Sebá* son rexións do S de Exipto (cf **45**, 14). Estes pobos, remotos para os desterrados, preséntanse en xeral como os que expían os pecados do pobo de Deus.

9Os pobos todos xúntanse a un tempo,
e congréganse as nacións.
Quen entre eles dá a coñecer isto
e nos fai oír as antigas predicións?
Que presenten testemuñas
e xustifiquen a súa postura,
que se oia e se teña que dicir: "É verdade!".
10Vós sodes as miñas testemuñas
–é o Señor quen fala–;
si, o meu servo que eu escollín,
para que me coñezades e creades en min,
e para que recoñezades que só eu son.
Antes de min
non foi formado ningún deus,
e despois de min non existe ningún.
11Eu, eu son o Señor,
e fóra de min non hai outro salvador.
12Eu anuncieino e púxeno a salvo,
fíxeno oír e non fun un estraño entre vós,
e vós sodes as miñas testemuñas
–é o Señor quen fala–,
mentres eu son Deus.
13Si, desde hoxe eu seguireino sendo,
e ninguén estará desprotexido
da miña man.
O que eu realizo, quen o fará cambiar?
14Así fala o Señor, o voso Redentor,
o santo de Israel:
Por causa vosa envíoo contra Babilonia
e farei caer todos os seus ferrollos;
en canto aos caldeos,
transformarei con lamentacións
os seus berros de alegría.
15Eu son o Señor, o voso Santo,
o Creador de Israel, o voso Rei.

### Actualización renovada da liberación do Éxodo

16Así fala o Señor,
que fixo un camiño polo mar
e unha verea polas augas impetuosas,
17que fixo saír carros e cabalos,
un exército moi poderoso.
Eles deitaranse e non se levantarán,
apagáronse coma a torcida dun candil,
extinguíronse.
18Non vos lembrades das cousas pasadas?
Non comprendedes as cousas antigas?
19Ollade: eu estou facendo algo novo;
xa agroma: non vos dades conta?
Si, vou abrir un camiño no deserto,
ríos na estepa.
20Os animais do campo honraranme,
os chacais e os poliños da avestruz,
porque porei augas no deserto,
ríos no ermo,
para darlle de beber ao meu pobo,
ao meu escollido,
21ao pobo que eu criei para min,
e que contará a miña loanza.

### Careo de Deus co seu pobo, con finalidade purificadora

22Pero ti, Xacob, non me invocaches,
senón que te cansaches de min, Israel.
23Non me trouxeches as reses
para os teus holocaustos,
nin me honraches cos teus sacrificios,
aínda que non te obriguei
a darme culto coa ofrenda,
nin te carguei coa obriga do incenso.
24Non me compraches perfumes con cartos,
nin me fartaches coa graxa
dos teus sacrificios;
ao contrario, cos teus pecados
obrigáchesme a actuar,
e cansáchesme coas túas iniquidades.
25Eu, eu mesmo, pola miña bondade
son quen limpa as túas rebeldías,
e dos teus pecados non me lembro.
26Fai acordo, cando botemos as contas:
cóntaos ti mesmo
para probares a túa xustiza.
27Teu pai pecou primeiro,
e os teus farsantes dirixentes
rebeláronse contra min,
28por isto deshonraba eu
os xefes do santuario,
entregaba Xacob á destrución
e Israel ás burlas.

**43**, 9 *As nacións* convócanse para que presenten testemuños das predicións das súas divindades sobre a liberación da opresión babilónica (cf **41**, 21-24).
**43**, 10 O pobo de Iavé, aínda que "cego e xordo", sérvelle a Deus de testemuño das súas predicións; e, revelando así a divindade única de Iavé, pódelle El chamar "meu servo".
**43**, 12 *Non fun un estraño entre vós*: outros traducen "non hai deus estraño entre vós", cousa que está fóra do contexto, pois esta frase ten de responder a "Eu púxeno a salvo".
**43**, 16-21 Aínda que se alude nos vv. 16-17 aos prodixios de Éxodo, a salvación que se presenta como inminente cualificase de algo novo, algo de calidade moi superior, e así o mar e as augas impetuosas do Éxodo, de sentido negativo na mitoloxía semítica, convértense nun camiño polo deserto e en ríos que dan vida ao pobo de Deus. O carácter de novidade márcao tamén o canto de loanza ao Señor.
**43**, 22-27 Literariamente trátase dun "rib" ou acareo contra Israel, o pobo do exilio, ao que se acusa de non invocar a Iavé e cansar del, mentres que o pobo obrigou a Deus a purificar as súas iniquidades co exilio e a destrución de Xudá (= Israel). Estas acusacións refírense ao período preexílico (v. 22b) e buscan que o pobo recoñeza a necesidade dos actos xustificadores de Deus (vv. 25-26).
**43**, 27 *O primeiro pai* é Xacob, segundo a tradición recollida por Xer **9**, 3 e Os **12**, 3-4. *Os farsantes dirixentes*: alusión aos falsos profetas.

**Autorrevelación de Deus a través da historia salvífica, e polémica antiidolátrica**

**44** [1]Agora, pois, escoita,
Xacob, meu servo;
Israel, a quen eu escollín.
[2]Así fala o Señor, que te creou,
e que te formou,
quen desde o seo te vén axudando:
Non teñas medo, meu servo Xacob;
Iexurún, a quen eu escollín,
[3]porque eu verterei auga sobre o sedento,
e regueiros sobre a reseca.
Verterei o meu espírito
sobre a túa descendencia,
e a miña bendición sobre os teus abrochos,
[4]e brotarán coma entre xuncos,
coma amieiros xunto ás correntes de auga.
Este dirá: "Eu son do Señor";
e aquel chamarase co nome de Xacob;
[5]outro escribirá na man: "Do Señor";
e será titulado co nome de Israel.
[6]Así fala o Señor, Rei de Israel,
o seu Redentor, o Señor dos Exércitos:
Eu son o Primeiro, e tamén o Derradeiro;
non hai outro Deus fóra de min.
[7]Quen é coma min?
Que o diga, que o manifeste
e que se compare comigo,
porque eu establecín un pobo eterno
e cousas que han vir:
comprenderano cando cheguen.
[8]Non teñades medo nin pavor.
Acaso non volo fixen oír
e volo manifestei desde entón?
Vós sodes as miñas testemuñas:
hai acaso un Deus fóra de min?
Non, non hai Penedo: eu non o coñezo.

**Sátira contra a fabricación de ídolos**

[9]Os escultores de ídolos,
todos eles, son nada:
para nada serven as súas cousas preciosas.
Si, eles mesmos son testemuñas,
pero non o queren ver nin recoñecer,
porque se avergonzarían.
[10]Quen esculpiu un deus e fundiu un ídolo,
sen esperar unha ganancia?
[11]Velaí: todos os seus devotos avergónzanse,
aos seus artistas sáenlles as cores.
Xúntanse todos, fican quedos,
atérranse, avergónzanse.
[12]O artista corta o ferro co cicel,
quéntao co carbón;
co martelo dálle forma,
trabállao coa forza do seu brazo.
Por veces ten fame e non ten forza;
non bebe auga e está canso.
[13]Corta madeira, estende o cordel,
fai unha marca co lapis,
trabállaa coa garlopa,
logo trázaa co compás
e faina á semellanza dun home,
conforme a fermosura dun humano,
para que habite no templo.
[14]Si, corta para si uns cedros
ou colle un toro de aciñeira ou de carballo,
déixao endurecer
entre as árbores do bosque,
e planta no seu lugar un cedro
que a chuvia fará medrar.
[15]A madeira sérvelle ao home
para queimar,
colle parte dela e acende o lume;
quenta o forno e coce o pan.
Tamén pode traballar un deus
e prostrarse ante el,
pode facer un ídolo e adoralo.
[16]A metade da árbore quéimaa no lume,
sobre a outra asa carne,
come o asado e fártase.
Tamén se quenta e di:
"Ah, quéntome, vexo o resplandor!".
[17]O que lle sobra é para un deus,
fai o seu ídolo, adórao e próstrase ante el,
rézalle ao seu deus e dille:
"Sálvame, que ti es o meu deus".
[18]Non saben nada nin entenden,
están ofuscados; os seus ollos non ven,

**44**, 1-8 Podemos distinguir dúas unidades, introducidas pola fórmula "así fala o Señor" (vv. 2 e 6). A primeira é un oráculo salvífico (vv. 1-5); e a segunda é un texto da polémica anti-idolátrica (vv. 6-8). Os dous textos están entrelazados: xa que a revelación profética da salvación é a razón que o autor ofrece como base da divindade de Deus, e por outra parte a polémica preséntase como oráculo divino, por iso pensamos nunha unidade de chamada á fe no Deus único e na salvación que El realizará.
**44**, 1s A acción salvífica de Deus ten a súa base na elección, creación ou constante axuda de Deus ao seu pobo. *Iexurún*, en paralelo con Xacob, equivale a Israel, e en semellante paralelismo aparece en Dt **32**, 15; **35**, 5. 26 (cf nota destes lugares).
**44**, 3 A *auga* aquí é símbolo da vida que o Espírito de Iavé comunica a todo o pobo.
**44**, 6 Os títulos *Primeiro e Derradeiro*, neste contexto concreto (v. 7), refírense a que Iavé planifica a sorte do seu pobo, comunícallela aos seus profetas, e logo realízaa (cf **41**, 4; **48**, 12; Ap **1**, 17; **22**, 13).
**44**, 8 *Penedo*: cf notas a **31**, 9; **33**, 16 e **51**, 1.
**44**, 9-20 Os autores discuten a autoría do II Is para esta sátira, por razóns métrico-poéticas e sobre todo teolóxicas, que son de ordinario moito máis serias ca as que aquí se ofrecen.
**44**, 12 *O artista*: non aparece explicitamente no texto, pois quizais para o xenio lingüístico hebreo non sexa necesario, por derivarse da mesma raíz do verbo "cortar".

e a súa mente non pensa.
19Non medita,
non ten saber nin intelixencia ao dicir:
"Queimo a metade no lume,
e sobre as súas brasas cozo o pan,
aso a carne e cómoa,
e do resto del fago algo abominable:
adoro a póla da árbore".
20A quen mancha a cinsa,
engánao o corazón e extravíao:
non porá a salvo a súa vida,
pois non pode recoñecer:
"O que teño na miña dereita
é unha mentira".

**Chamada a converterse ao Deus Salvador**

21Lémbrate de Deus, Xacob;
Israel, ti es o meu servo: eu formeite;
o meu servo es ti, Israel:
non te esquezas de min.
22Fixen desaparecer as túas rebeldías
coma unha nube,
e como a néboa espesa os teus pecados.
Convértete a min, que son o teu Redentor.
23Alédate, ceo, porque o Señor actuou;
gritade alegres, profundidades da terra.
Montes, estalade de ledicia:
o bosque e toda árbore que hai nel,
porque o Señor redime a Xacob,
vai mostrar a súa gloria en Xerusalén.

**O Deus creador e Señor da historia presenta a Ciro**

24Así fala o Señor, o teu Redentor,
o que te formou desde o seo.
Eu son o Señor que o fago todo:
estendo o ceo eu só e expando a terra.
Quen está comigo?
25Frustro os sinais dos agoireiros
e volvo loucos os adiviños,
fago volver para atrás os sabios
e converto a súa ciencia en tolemia.
26El fai firme a palabra do seu servo,
e completa o plan dos mensaxeiros.
Di: "Xerusalén, serás habitada;
cidades de Xudá, seredes reedificadas",
que volverei levantar as súas ruínas.
27Di: "Océano, seca;
vou secar os teus ríos".
28Di: "Ciro é o meu pastor";
cumprirá os meus gustos, anunciando:
"Xerusalén, serás reedificada;
templo, serás cimentado".

**Misión de Ciro**

**45** 1Así fala o Señor
acerca do seu unxido, Ciro,
a quen eu collín da man dereita:
El someterá ante si aos pobos,
eu descubrirei ante el o lombo dos reis.
El abre ante si os portóns dobres,
as portas non se pecharán ante el.
2Eu camiñarei diante de ti
e fareiche favorables os presaxios,
romperei os batentes de bronce
e farei anacos as trancas de ferro.
3Dareiche os tesouros pechados
e as riquezas dos lugares ocultos,
para que recoñezas que eu son o Señor,
quen te chamou polo teu nome,
son o Deus de Israel que te chamou
4por causa do meu servo, Xacob,
e de Israel, o meu elixido.
Si, chameite polo teu nome;
creeite, aínda que non me coñecías.
5Eu son o Señor e non hai outro,

**44**, 21-23 Estes vv. forman unha inclusión cos vv. 1-8, e son un oráculo de chamada á conversión e á confianza en Deus, despois de anunciar a expiación dos pecados do pobo, coa conseguinte salvación e a desbordante ledicia cósmica.
**44**, 21 *Deus*: non "estas cousas", tradución que non fai sentido e que rompe o paralelismo.
**44**, 23 *Profundidades da terra*: o xeol o mundo dos defuntos, que se asocian á ledicia da glorificación de Xerusalén.
**44**, 24-28 Esta unidade literaria constitúe un "oráculo de encargo de misión", variación poética do oráculo-visión vocacional profético.
**44**, 24-25 Estas afirmacións das obras de Deus preséntano como autor da creación e Señor e dominador da historia. Remárquese o impresionante da auto-apreciación de Deus.
**44**, 25 *Agoireiro*: sacerdote-adiviño, que actuaba na liturxia de lamentación individual.
**44**, 26 *O seu servo*, en paralelo cos seus mensaxeiros, non se refire a Ciro, senón ao grupo de profetas.
**44**, 26-27 Nótese como se mesturan as expresións de poder do Señor sobre o cosmos (océano ten connotacións negativas na mitoloxía semítica) coas expresións de señorío sobre a historia, pois o feito creacional é a base do seu señorío sobre a historia.
**44**, 28 *Pastor* é en toda a cultura oriental, incluída a grega, sinónimo de "rei" (cf nota a **11**, 1-9).
**45**, 1-3 Estas tipificacións da misión aparecen nos oráculos vocacionais (cf Is **6**, 10-13; Xer **1**, 11-19; Ez **3**, 16-21), e aquí se precisan especialmente polo carácter especial desta vocación dun pagán (vv. 4c. 5c), a quen se constitúe rei como instrumento da realeza de Iavé, ao estilo dos reis de Xudá e Israel.
**45**, 1 *Unxido* aquí significa rei como instrumento da realeza de Iavé. Descubrir o lombo dos reis era un antigo costume de rematar a vitoria, pisando o rei vitorioso o lombo dos reis vencidos.
**45**, 2 *Fareiche favorables os presaxios*. Outros traducen "achanzareiche as ladeiras", pero esta interpretación é allea ao contexto e á filoloxía semítica, favorable á nosa interpretación.
**45**, 4 A razón teolóxica da misión vitoriosa de Ciro é o pobo de Israel, que é servidor especial de Deus.

fóra de min non hai deus.
Ameite, aínda que non me coñecías,
6para que se saiba desde o nacente
ao solpor que non hai cousa sen min.
Eu son o Señor e non hai outro,
7o que forma a luz e crea a tebra,
o que fai a felicidade e crea a desgraza.
Eu, o Señor, o que fago todas estas cousas.
8Ceo, fai caer o resío desde arriba;
bóveda celeste, bota para abaixo a xustiza,
que a terra se abra
e dea como froito a salvación,
que a xustiza faga brotar a felicidade.
Eu, o Señor, son quen a crea.
9Ai do que preitea con quen o formou!
Ai do cacharro que preitea
con quen o fixo do barro!
Dille a ola a quen a formou: "Que fas?
A túa obra non ten xeito!".
10Ai de quen lle di ao pai: "Que xeraches?",
e á súa nai: "Que deches a luz?"!
11Así fala o Señor, o Santo de Israel,
o que o formou:
Ídesme pedir contas
do futuro dos meus fillos,
e ides dar ordes
sobre a obra das miñas mans?
12Eu fixen a terra e creei o home sobre ela.
Coas miñas propias mans estendín o ceo,
deilles ordes a todas as súas constelacións.
13Eu suscitei a Ciro por causa da xustiza
e achanceille todos os seus vieiros.
El reconstruirá a miña cidade
e mandará alí os meus exiliados,
sen prezo nin regalo.

**O anuncio e cumprimento das profecías provoca a conversión dos pagáns ao Señor**

14Así fala o Señor:
A man de obra de Exipto,
os traficantes de Cux,
os sebaís, homes de grande estatura,
virán onda ti e serán teus,
camiñarán detrás de ti con cadeas,
virán prostrarse ante ti e confesarán:
"Soamente contigo está Deus
e non hai outro; non hai máis deuses".

15Certo, ti es o Deus escondido,
o Deus de Israel, o Salvador.
16Avergonzaranse,
cubriranse de oprobio todos eles,
camiñarán con oprobio
os tallistas de ídolos.
17Israel será salvado polo Señor
con salvación eterna:
Non vos teredes que avergonzar
e endexamais non vos cubriredes
de oprobio.
18Si, así fala o Señor,
o Creador do ceo, El é Deus,
o formador da terra e o seu facedor,
El creouna,
non a creou coma un caos,
formouna para ser habitada:
Eu son Iavé e non hai outro.
19Non falei en secreto,
nun lugar do inferno, na escuridade.
Non lle dixen á descendencia de Xacob:
buscádeme no abismo.
Eu, o Señor, proclamo a xustiza,
dou a coñecer a rectitude.
20Xuntádevos! Vide!
Achegádevos a un tempo,
escapados das nacións:
Que non o saiban os que levan
en alto ese pau, o seu ídolo,
e os que lle rezan a un deus
que non é capaz de salvar.
21Expoñede, presentade as vosas probas;
aconselládevos uns cos outros.
Quen fixo oír isto desde antigo?
Quen o fixo saber desde o tempo pasado?
Acaso non fun eu, o Señor?
Si, non hai outro Deus fóra de min!
Eu son Deus, o Xusto e o Salvador,
non hai outro fóra de min.
22Volvédevos cara a min e salvádevos,
todos os confíns da terra,
que eu son Deus, e non hai outro.

**45**, 9-10 Estes Ais, emparentados coas series de maldicións, son unha chamada á fidelidade e aceptación do plan salvífico de Deus. *Non ten xeito*: lit. "non ten as dúas mans en si".
**45**, 13 *Xustiza*: adecuación aos plans salvíficos de Deus.
**45**, 14-25 Esta unidade temática sobre o tema do título está formada por tres seccións, nas que o tema se vai clarificando: a) os vv. 14-17 preséntannos os afastados pobos de Exipto e Etiopía (Cux e Sebá), que veñen onda Iavé cargados coas cadeas da propia escravitude idolátrica. Estes estranxeiros avergónzanse da súa idolatría, pero Israel non se avergonzará; b) os vv. 18-19 consisten nunha auto-proclamación do Deus creador único, que propugna a rectitude e a xustiza a todos; c) os vv. 20-25 constitúen a sección culminante de chamada ao ingreso na comunidade de Deus cousa que exclúe a idolatría e repítese o principal argumento deuteroisaiano do anuncio previo e cumprimento da salvación, que leva á unicidade de Deus en Iavé, e, conseguintemente, a conversión e culto a El e á súa glorificación.
**45**, 14 *Con cadeas*: non veñen de cativos de guerra que irían diante, senón que veñen detrás, pero escravizados polas prácticas idolátricas (cf v. 16).
**45**, 18 *Caos*: usa aquí o autor o termo de Xén **1**, 2, co que se expresa o caos primordial, que para o semita é increado.

[23]Xúroo por min mesmo: da miña boca sae
–para cumprir o que é xusto–
unha palabra que non se volve atrás:
Ante min dobrarase todo xeonllo,
por min xurará toda lingua.
[24]De min dirase:
"Si, no Señor están a xustiza e o poder".
Onda El virán, avergonzados,
todos os que se levantaron contra El.
[25]Toda a descendencia de Xacob
recibirá a xustiza de parte do Señor
e nel se gloriará.

**Polémica contra os ídolos: só Iavé é o Señor**

**46** [1]Caeu Bel, derrubouse Nebó:
foron os ídolos deles.
As cousas que vós portabades en alto
son levadas por bechos e animais,
son carga para un animal cansado.
[2]Derrubáronse e caeron a un tempo,
non foron capaces de salvar
a quen os levaba.
Si, eles mesmos van á cativiдade.
[3]Escoitádeme, casa de Xacob,
e todo o que queda da casa de Israel,
vós que fostes levados desde o ventre,
vós que fostes levantados desde o útero:
[4]eu son quen vos leva ata a ancianidade,
quen vos levantará ata a vellez.
Eu fixeno e eu seguireino a facer.
Si, levareivos e salvareivos.
[5]A quen me igualaredes e compararedes?
A quen me asemellaredes coma a un igual?
[6]Algúns sacan ouro da bulsa
e pesan a prata na balanza,
e páganlle ao ourive
para que ao seu xeito faga un deus,
próstranse ante el, e adórano.
[7]Levántano no ombreiro, e lévano;
póñeno no seu lugar, e está firme
no seu santuario, e non abanea.
Algún clama cara a el, pero non responde,
non o libra da súa angustia.
[8]Lembrade isto e animádevos, rebeldes;
facede volver isto ao corazón.
[9]Lembrádevos
das cousas primeiras desde antigo:
de que eu son Deus e non hai outro,
de que son Deus e non o hai coma min.
[10]Eu son quen manifesta
desde o principio o que ha vir;
desde antigo, as cousas
que aínda non se fixeron.
Eu son o que digo:
o meu plan manterase firme,
realizarei canto decidín.
[11]Eu son quen chamo
do nacente unha aguia,
da terra afastada ao home do meu plan.
Si, díxeno, e farei que suceda;
planeeino e cumprireino.
[12]Facédeme caso vós, duros de corazón,
que estades lonxe da xustiza:
[13]Eu aproximo a miña xustiza,
que non está lonxe,
e a miña salvación, que non tardará.
Si, eu poño en Sión a salvación,
en Xerusalén o meu esplendor.

**Lamentación pola caída de Babilonia**

**47** [1]Baixa e senta no po,
virxe, filla de Babilonia!
Senta na terra, que non hai trono,
filla dos caldeos!
Que non volverás ser chamada:
"A doce, a delicada".
[2]Colle as pedras do muíño e moe o gran,
envólveo no teu veo, remanga a túa saia,

**46** Este texto (**46**, 1-13), de polémica anti-idolátrica, data do ano 555, momento en que o novo rei Nabónid introduce esta divindade en Babilonia e constitúea en divindade do imperio, desterrando os deuses Bel (= Marduk, deus supremo) e Nebó, fillo e intérprete de Bel e por isto deus da sabedoría e da escritura. O texto divídese en catro parágrafos. a) vv. 1-2: caída destes deuses, que son levados ao lombo de animais; b) vv. 3-4: Iavé é quen vén levando sobre si a casa de Israel, e seguirao facendo para salvalos; c) vv. 5-7: salienta o autor o modo de comportarse na fabricación, colocación e adoración dos ídolos, con certas notas sarcásticas; d) vv. 8-11: o autor conclúe co seu principal argumento anti-idolátrico: Deus é o creador e Señor da historia, pois planea, dío e logo cúmpreo. Conclúen os vv. 12-13, cunha chamada á confianza en Deus e na salvación que Deus promete.

**47**, 1-15 Trátase da única lamentación ou "quinah", frecuente nos oráculos contra as nacións e, metricamente, nos oráculos contra Xerusalén. Pódese dividir o texto en cinco estrofas: a) vv. 1-4: A caída do trono de Babilonia, a fuxida da cidade á desbandada, a vinganza do Señor Todopoderoso; b) vv. 5-7: desde agora Babilonia reinará entre os mortos, pois ensoberbeceuse pensando que o castigo inflixido a Xudá non tiña límite; c) vv. 8-9: actitude de Babilonia, de soberbia e falsa seguridade, baseada nos seus feitizos e encantamentos; d) vv 10-12: fracaso da súa seguridade, pois coa súa ciencia e sabedoría non puido esconxurar nin expiar o inminente desastre; e) vv. 13-15: os seus agoireiros astrais non valen para nada, xa que son como coaño que nin serve para cocer o pan nin para quentarse. Esta lamentación data do ano 539.

**47**, 1 Habitualmente a muller, e en especial a moza virxe, simboliza na Biblia unha nación ou a súa capital (cf **37**, 22. 23; 2 Re **19**, 12; Xer **14**, 17; **46**, 11; Lam **1**, 15; **2**, 13). **47**, 2 O moer o gran nun pequeno muíño de dúas pedras era traballo das mulleres, aínda que aquí a muller que moe e leva gardada no manto a fariña é símbolo do pobo que escapa. Nesa situación, co apuro, levaban a saia moi remangada.

descubre as nádegas, cruza os ríos.
[3]Descubre a túa nudez,
mostra as túas vergonzas.
Vou tomar vinganza,
e non se me apoñerá ninguén.
[4]O noso Redentor chámase
Señor Todopoderoso: é o Santo de Israel.
[5]Reina no inferno, entra na escuridade,
filla dos caldeos,
xa que non se che volverá chamar
"raíña de raíñas".
[6]Anoxeime co meu pobo,
profanei a miña herdanza:
por iso entregueichos na túa man,
non tiveches compaixón deles,
sobre o ancián cargaches
moi pesado o teu xugo, [7]e dixeches:
"Para sempre serei a raíña perpetua".
Non tomaches isto en consideración,
nin te lembraches do que había vir.
[8]Pois agora escoita isto,
ti, amante do pracer,
a que reinabas na seguridade,
a que pensabas no teu corazón:
"Son eu, e non hai outra,
non reinarei viúva,
non saberei o que é quedar sen fillos".
[9]Estas dúas cousas aconteceranche
de repente nun só día:
quedares sen fillos e viúva;
ambas cousas viñeron sobre ti,
pola multitude dos teus feitizos,
polo poder dos teus moitos
encantamentos.
[10]Estabas segura coa túa ruindade, pensabas:
"Non hai quen me vexa".
A túa sabedoría e a túa ciencia
foron a túa perdición,
pois pensabas no teu corazón:
"Son eu, e non hai outra".
[11]Por isto virá sobre ti unha desgraza,
que non saberás esconxurar,
caerá sobre ti unha maldade,
que non serás capaz de expiar,
virá sobre ti de repente unha ruína,
que ti non previas.
[12]Monta garda cos teus encantamentos,
coa multitude dos teus feitizos,
nos que es mestra desde a túa mocidade;
talvez sexas capaz de conseguir éxitos,
quizais poidas meter medo.
[13]Estás xa cansa
coa chea de consellos que recibes.
Que se presenten diante de ti
e que te salven os que len no ceo,
os que ven presaxios nas estrelas,
os que anuncian cada lúa nova
o que che vai acontecer.
[14]Velaí: son coma o coaño:
queimaraos o lume: non salvarán
as súas vidas do poder da chama,
non serán brasa para cocer o pan,
nin lume para sentarse a carón.
[15]Velaí o que eles foron para ti,
xa que te exercitaches cos feiticeiros
desde a túa mocidade.
Cada un andou extraviado
polo seu camiño,
non houbo quen te salvase.

### Anuncio profético da liberación de Xacob

**48** [1]Escoitade isto, casa de Xacob,
os que se chaman co nome de Israel
e saíron do sangue de Xudá,
os que fan o xuramento no nome de Iavé
e nomean o Deus de Israel,
sen verdade e sen xustiza.
[2]Chámanse a si mesmos co nome
da cidade santa e apóianse
no Deus de Israel,
que ten de nome Señor Todopoderoso.
[3]Ás cousas pasadas

**47**, 5 O reinado no inferno é unha burla, xa que reina alí a divindade de Xeol.

**48**, 1-22 Estes vv. constitúen unha unidade literaria sobre o previo anuncio profético da redención dos deportados que se consideran o verdadeiro Israel. Está composta de oito estrofas desiguais, nas que se desenvolve unha verdadeira teoloxía da palabra profética: a) vv. 1-2: invitación a escoitar, na que en forma de himno se expoñen os títulos e razóns polas que Iavé proclama boas novas para o seu pobo; b) os vv. 3-6a constitúen unha exposición da teoloxía da palabra de Deus, que anunciou previamente os seus feitos antes de realizalos, para que o pobo saiba que son obra de Deus e non dos ídolos; c) Os vv. 6b-8 son un anuncio previo de cousas novas, de boas novas, ás que seguirá a súa execución, sen dicirnos de que se trata, pero insistindo na súa novidade e no seu carácter salvífico, non obstante a rebeldía do pobo; d) Os vv. 9-11 continúan o tema da rebeldía do pobo co castigo purificador e comedido de Deus, motivándoo na gloria, loanza e Nome divino de Iavé; e) Os vv. 12-14 son unha chamada á fe do pobo que se ha salvar, en Iavé, coa finalidade de que a salvación sexa posible: por iso refire o autor dous títulos de Iavé: "O Primeiro" (o creador de todas as cousas), e "O Derradeiro", (aquel a quen todo lle obedece, polo que pode pre-anunciar o futuro); f) Os vv. 15-16 constitúen dous oráculos paralelos: o do v. 15, referido a Ciro; e o do v. 16, referido á presenza de Deus nos éxitos de Ciro e á comunicación pública do oráculo desta presenza. O v. 16c constitúe unha verdadeira fórmula de misión profética de parte de Iavé e do Espírito de Iavé; g) Os vv. 17-19 son unha exhortación de ton sapiencial a seguir a revelación de Deus e os seus mandamentos, propóndolles os bens que de alí se sigan, para acabar coa orde divina de deixar Babilonia; h) Os vv. 20-22, fan ver o contraste coa desgraza dos impíos, que non fan caso.

hai tempo que volas manifestei,
da miña boca saíron e fixenas oír,
realiceinas enseguida, e aconteceron.
4Xa me decatei de que ti es obstinado,
a túa testa é un nervio de ferro,
a túa fronte é de bronce:
5por isto fíxencho coñecer desde antigo;
antes que sucedese, fíxencho oír,
non fose que dixeses: "Fíxoo o meu ídolo,
ordenárono a miña imaxe e a miña talla".
6Ti oíches: "Ollade todo isto".
E como é que non o destes a coñecer?
Desde agora fareiche oír cousas novas,
encubertas, que antes non coñecías.
7Agora, non antes, son creadas:
antes de hoxe non as oíches;
se non, dirías: "Certo que as oín".
8Non, non as oíches, non as coñeciches:
nunca as escoitou o teu oído,
pois ben sei que ti es un gran traidor,
a quen se chama
"Rebelde desde o seo da nai".
9Por causa do meu Nome,
refreei a miña ira ante ti,
contívenme por mor da miña gloria,
para non te facer desaparecer.
10Velaí: refineite, pero non coma a prata;
purifiqueite no forno da aflición.
11Por min, fágoo por min, porque,
como se vai profanar a miña gloria,
que a ningún outro darei?
12Escoitame, Xacob;
Israel, por quen son invocado:
Eu son o Señor,
eu son o Primeiro e tamén o Derradeiro.
13A miña man cimentou a terra
e a miña dereita estendeu o ceo;
chámoos eu e ambos os dous comparecen.
14Xuntádevos todos vós e escoitade:
quen entre eles fixo coñecer estas cousas?
O Señor, movido polo seu amor,
fai o que quere con Babilonia,
e tamén cos caldeos,
coa forza do seu brazo.
15Eu fixen vir a aquel
a quen chamei e lle falei,
terá éxito nos seus plans.
16Achegádevos a min e escoitade isto:
Nunca desde o principio falei en secreto;
e desde o tempo en que aquilo sucedeu,
eu estiven alí.
Agora o Señor Iavé
envioume tamén o seu Espírito.
17Así fala o Señor, o teu Redentor,
o Santo de Israel:
Eu son o Señor, o teu Deus,
o que te ensina para que saques proveito,
quen te fai camiñar
polo camiño por onde debes ir.
18Oxalá tiveses feito caso
dos meus preceptos:
entón a túa prosperidade sería coma un río,
e o teu triunfo coma as ondas do mar,
19a túa descendencia sería coma a area,
e o froito das túas entrañas
como os grans da area.
Non se acabaría nin desaparecería
o teu nome da miña presenza.
20Saíde de Babilonia,
fuxide de onda os caldeos,
con berros de xúbilo manifestade isto,
facédeo oír, levádeo ata o cabo da terra,
dicide: "O Señor redime
ao seu servo, Xacob",
21e os que marchen polos sequeiros
non terán sede:
fará brotar para eles auga do penedo,
fenderá un penedo e correrá a auga.
22Para os impíos dixo o Señor
non haberá fartura.

**48**, 6 *Cousas novas*: non se trata dun restablecemento do pasado, senón de algo de calidade especial e superior aos vellos tempos.
**48**, 7 A proclamación profética destas cousas novas é xa unha creación das mesmas, pois a palabra profética é palabra de Deus, que, ao mostrarse, crea.
**48**, 9 *Gloria* aquí significa loanza, que, por paralelismo con *Nome*, quere expresar a proclamación da presenza dinámico-salvífica (= O Nome) de Deus.
**48**, 10 *Non coma a prata*: a negación quere expresar que a purificación non foi completa, pois no v. 8 fálase da rebeldía do pobo.
**48**, 11 *A gloria* (heb. "kabod") aquí ten sentido de cousa apreciada, propiedade, o que a un lle pertence.
**48**, 13 *Ambos os dous* refírese ao merismo *ceo* e *terra*, que inclúe a totalidade das cousas creadas, entre as que está o que os ídolos representan: fenómenos naturais ou forzas cósmicas que están ás ordes de Deus.
**48**, 14 *Eles*, refírese aos ídolos aludidos no merismo do v. 13. *Movido polo seu amor*: a razón dos feitos salvíficos de Deus é o amor.
**48**, 16 *Envioume tamén o seu Espírito*: o Espírito é suxeito (non instrumento nin obxecto), que realiza a misión do profeta, pois está en paralelo con Iavé. O espírito é neste v. o dinamismo salvífico e transformador de Deus que, invadindo o espírito do profeta, o transforma en portador da súa palabra creadora (cf nota ao v. 7). Todo o v. alude á misión do profeta ou profetas.
**48**, 18 *Triunfo*: lit. "xustiza", alusivo aos froitos da xustiza, á bendición divina do home ou do pobo xusto.
**48**, 19 A primeira parte do v. alude ás promesas feitas a Abraham (cf Xén **13**, 16; **15**, 5ss; **17**, 6ss; **22**, 17). *O teu nome* o do pobo, refírese á actividade cúltica e lediciosa do pobo na presenza de Iavé no templo de Xerusalén.
**48**, 21 Aínda que traducimos os verbos en futuro, en hebreo están en perfecto, pero é un perfecto histórico profético, que quere expresar que, desde o momento da proclamación salvífica, a salvación é xa un feito realizado e consumado.

**Segundo poema do Servo de Iavé:**
**luz das nacións**

**49** [1]Escoitádeme, pobos da costa,
facédeme caso nacións afastadas.
O Señor chamoume desde o seo,
desde as entrañas da miña nai
repetiu o meu nome.
[2]Puxo na miña boca
coma unha espada afiada,
escondeume na sombra da súa man,
converteume en frecha escolleita,
gardoume na súa alxaba,
[3]e díxome: "Ti es o meu servo, Israel,
de ti virame a sona".
[4]Pero eu dicía: "Cansei en balde,
consumín a miña forza para nada",
pero a miña sentenza está onda o Señor,
e a miña recompensa onda o meu Deus.
[5c]Serei glorificado coa presenza do Señor,
e o meu Deus será a miña forza.
[5]Pois agora fala o Señor
–que desde o seo da nai me formou
para ser o seu servo, para facer volver
onda El a Xacob
e para que Israel se xunte con El–:
[6]É moi fácil para ti ser o meu servo,
restablecendo as tribos de Xacob
e facendo volver os protexidos de Israel,
pois convértote en luz das nacións,
e serás a miña salvación
ata o confín da terra.
[7]Así fala o Señor,
o Redentor de Israel, o seu Santo:
A ti, o desprezado da xente,
abominado do pobo,
servo dos gobernantes,
verante os reis e levantaranse;
os príncipes prostraranse ante ti,
porque a ti te escolleu o Señor que é fiel,
o Santo de Israel.
[8]Así fala o Señor:
Nun momento de amor respondinche
e no día da vitoria axudeite:
escollinte, convertinte
en alianza dun pobo,
para que levantes o país
e repartas as herdanzas arrasadas,
[9]dicíndolle: "Presos, saíde!
Os que estades na escuridade,
mostrádevos!".
Pastarán á beira dos camiños
e nos montes pelados
terán os seus pasteiros,
[10]non terán fame nin sede,
non lles dará o soán nin o sol:
quen ten compaixón deles guiaraos
e conduciraos ás nacentes augas.
[11]Converterei as miñas montañas en vieiro,
construiranse as miñas calzadas.
[12]Velaí chegan de lonxe:
do norte, do poñente, e do país de Sinim.

**Canto á consolación de Sión**

[13]Exulta, ceo; brinca de ledicia, terra;
que se fendan os montes coa alegría,
pois o Señor consolou o seu pobo,
e compadeceuse dos seus pobres.
[14]Sión di: "Iavé abandonoume,
o Señor esqueceuse de min".
[15]Esquécese unha muller do seu meniño?

**49**, 1-12 Parece ser que o cantar chega ata o v. 12, e non soamente ata o v. 6, pois as expresións dos vv. 7. 8bc. 9 difícilmente se poden entender como ditas por todo o pobo, e si por un profeta (ou grupo de profetas) elixido por Deus, que serve de mediador da alianza e que proclama a liberdade dos deportados. A unidade está composta destes elementos: a) v. 1a: unha invitación solemne a escoitar a mensaxe do profeta; b) vv. 1b-3: unha descrición poética autobiográfica da súa misión profética, pola que mostrará Deus a súa grandeza; c) vv. 4 e 5c presentan o rexeitamento ou desánimo do profeta a quen non se lle fai caso, ao mesmo tempo que a súa seguridade no éxito que Deus lle asegura na experiencia profética, para chegar no punto central; d). vv 5-6, a proclamación divina do profeta como luz, revelador da salvación universal de Deus. e) O v. 7 é un oráculo engadido, no que remarca o contraste entre o desprezo do profeta ao que se insulta como un servidor dos persas (servo dos gobernantes) e o profundo respecto dos reis e príncipes; f) Os vv. 8-12 son outro oráculo, no que se presenta a misión do servo entre os deportados, anunciándolles a saída e asegurándolles a protección divina na volta a Sión, que se deixou xa anunciada nos vv. 5-6.
**49**, 2 *Puxo na miña boca coma unha espada*, non se pode referir a outra cousa senón á palabra dinámica e creadora de Deus, que o profeta comunica co seu poder: por iso se fala da protección (sombra) do poder (man) de Deus sobre o profeta e de frecha escollida por Deus.
**49**, 3 *Israel* é unha glosa interpretativa posterior.
**49**, 4 *Cansei en balde*: supón que non estamos diante dun relato de vocación, senón diante dun oráculo salvífico de alcance universal para os pobos sometidos por Babilonia (vv. 5-6).
**49**, 8 *Convertinte en alianza dun pobo*: pola frase que segue, hase entender como mediador ou instrumento para que o pobo dividido se xunte en alianza e reparta, segundo ela, a herdanza (a terra), entón arrasada e abandonada por mor das deportacións. Esta función non a pode ter o pobo, senón un individuo ou un grupo.
**49**, 12 *Sinim*: a localización deste país non é coñecida; por iso algúns len, cos manuscritos de Qumrân, Seveniim (cf Ez **29**, 10; **30**, 6), que estaba situado no Alto Exipto, e de onde conservamos os manuscritos ditos de Elefantina (cf Xer **4**, 4. 11).
**49**, 13-26 Este cantar profético a Sión consta dunha introdución de invitación universal (ceo-terra) á ledicia pola consolación de Sión (v. 13), á que seguen tres bloques (vv. 14-20; 21-23; 24-26), compostos no mesmo esquema: palabras de Sión, que teñen a súa resposta nun oráculo salvífico de Deus, aínda que no primeiro bloque non aparece a fórmula oracular.

Non se compadece do fillo
das súas entrañas?
Aínda que ela se esqueza,
eu non me esquecerei de ti.
16Velaí, estás escrito
nas palmas das miñas mans,
as túas murallas están sempre ante min.
17Que apuren os que te reconstrúen,
que marchen os que te arruinaron
e arrasaron.
18Levanta os teus ollos arredor e olla:
Todos eles se xuntan, veñen a ti.
Pola miña vida é o Señor quen fala
que os vestirás a todos con mantos,
e que os cinguirás como a unha noiva!
19Velaí as túas desolacións e as túas ruínas,
velaí a túa capital destruída:
agora serás demasiado pequena
para os teus habitantes!
Os mesmos que te devoraron
farante máis grande.
20Os fillos que che quitaron
volverán dicir aos teus oídos:
"Non teño sitio: apertádevos,
para que poida vivir aquí".
21E ti pensarás no teu corazón:
"Quen me deu estes?
Pois eu quedei sen fillos e estéril,
desterrada e apartada.
A estes quen os criou?
Eu quedei soa; estes de onde son?".
22Así fala o Señor Iavé:
Ergo a miña man cara aos pobos,
e levanto cara aos pobos a miña bandeira,
para que traian os meus fillos no colo,
e as miñas fillas ao lombo.
23Entón reis serán os teus titores;
e as súas princesas, as túas amas de cría.
Diante de ti prostrarán o rostro na terra,
e lamberán o po dos teus pés.
Entón recoñecerás que eu son o Señor,
porque non se avergonzarán
os que esperan en min.
24Pódeselle quitar a presa a un heroe?
Poderá escapar o cativo
de quen o ten preso?
25Porque así fala o Señor:
Aínda que a presa lle sexa quitada ao heroe
e o cativo escape do tirano,
eu preitearei con quen preitee contigo,
e salvarei os teus fillos,
26farei que os teus opresores
coman a súa propia carne,
e que beban o seu propio sangue
coma viño doce.
Entón toda carne recoñecerá
que eu son o Señor que te salvo,
o teu Redentor, o Valente de Xacob.

### Castigo e salvación

**50** 1Así fala o Señor Deus:
Onde está esa acta de divorcio
da vosa nai, a quen eu despedín?
Quen dos meus prestamistas
foi aquel a quen vos vendín?
Polas vosas iniquidades fostes vendidos,
polas vosas rebeldías
foi despedida vosa nai.
2Por que cando eu cheguei
non había ninguén
e cando chamei ninguén respondeu?
Acaso é a miña man demasiado curta
para non rescatar?
Acaso non hai en min forza para liberar?
Cando eu brúo, fago secar o mar,
converto os ríos nun deserto,
feden os peixes por falta de auga
e morren coa sede.
3Eu vestirei o ceo de escuridade,
e poreille unha cuberta de saco.

**49**, 21 Nótese que, para o II Is, a máis xenuína Xerusalén é a constituída polos deportados.
**49**, 26 As expresións de comer a propia carne e beber o propio sangue carne e sangue da propia familia, responden á situación de asedio.
*Toda carne* recoñecerá: toda a xente; pero emprégase sempre a expresión nun contexto salvífico e ledicioso, pois a carne era para os semitas a sede do gozo e do pracer.
**50**, 1-3 Aínda que esta unidade pode parecer un oráculo de xuízo de castigo en orde inversa: castigo (v. 1) e denuncia-acusación (v. 2), de feito é un oráculo de teoloxía da historia. A razón do repudio de Xerusalén e da venda dos seus fillos está nas iniquidades e rebeldías dos fillos, e en concreto na falta dunha resposta de fe no poder salvífico de Deus (v. 2), para acabar (vv. 2c-3) coa destrución dos poderes do mal, un anuncio da desaparición lamentable do culto astral babilónico.
**50**, 1 *O divorcio* non o podía pedir a muller (Xerusalén), senón que é dereito do marido (Deus), que lle debía dar o libelo de repudio (cf Dt **24**, 1-4).
**50**, 2 A falta de fe no poder de Deus preséntase como unha falta de esperanza, e de resposta ao Deus que interpela. Axiña comeza unha confirmación do poder de Deus (alusións ao paso do mar Vermello, ou dos Xuncos e ao don da auga no deserto), e mais o anuncio da manifestación de Deus que vai destruír totalmente os poderes do mal (o mar, morada dos monstros que causan a tempestade e a morte; e o deserto, morada dos demos).
**50**, 3 O *saco* era o vestido propio das lamentacións ou penitencias colectivas; a expresión quere dicir que os ceos (divindade babilónica) farán lamentación.

**Terceiro canto do Servo de Iavé: maltratado, confía na axuda do Señor**

4O Señor Deus
concedeume lingua de discípulo,
para saber instruír ao cansado
cunha palabra que o anime na mañá.
El espreguiza pola mañá o meu oído
para escoitar como discípulo.
5O Señor Iavé abriu o meu oído,
e eu non me rebelei,
non me botei para atrás.
6Ofrecín o lombo aos que me azoutaban,
e a miña cara
aos que me arrincaban a barba.
Non escondín a miña cara dos insultos
e das cuspiñadas.
7Pero o Señor axudarame,
por isto non me sinto avergonzado,
e poño a miña cara coma un diamante,
pois sei que non me avergonzarei.
8O que defende a miña causa está cerca.
Quen litigará comigo
cando comparezamos ante a comunidade?
Quen traballa a miña xusta sentenza
está detrás de min.
9O Señor Iavé axudarame:
quen será o que me declare culpable?
Velaí: todos eles se gastarán
coma un vestido, serán comidos pola traza.
10Quen de entre vós respecte o Señor,
que escoite a voz do seu servo,
pois camiña na escuridade
e non hai claridade para el,
pero confía no Nome do Señor
e apóiase no seu Deus.
11En cambio todos vós estades
prendendo o lume, rodeádelo de tizóns.
Camiñades co resplandor do voso lume
e cos tizóns que prendestes.
Da miña man provén isto para vós:
deitarádesvos nun lugar de sufrimentos.

**Liturxia da consolación de Sión. Chamada á confianza na salvación do Señor**

**51** 1Escoitádeme os que procurades
a xustiza, os que buscades o Señor.
Ollade para o penedo
de onde fostes tallados
e para o pozo de onde fostes escavados.
2Ollade para o voso pai Abraham
e para Sara, a que vos deu a luz.
El era un só cando o chamei,
pero bendicino e multipliqueino.
3Cando o Señor console a Sión

**50**, 4-11 Nos vv. 4-5 o Servo de Iavé descríbese a el mesmo como un discípulo da escola profética de Deus, que colle en serio a doutrina de Deus e a comunica. Os vv. 6-8 contrastan os desprezos e malos tratos no Servo da parte dos seus oíntes coa confianza del na axuda e no favor de Deus. O v. 9 constitúe a conclusión, presentando a ben diferente sorte do Servo e a dos seus opoñentes. Os vv. 10-11 constitúen unha resposta ao cantar do Servo, recollendo os contrastes entre a persecución (escuridade) e a confianza e apoio no Señor, o mesmo ca entre a escuridade do Servo e o lume (luz, orientación moral e sapiencial) dos seus opoñentes, que se converterá en causa de sufrimentos provocados polo mesmo Deus.
**50**, 4 A palabra coa que o Servo instrúe ao cansado e desesperanzado, é algo que el recibe de Deus coma do seu mestre.
**50**, 5 A palabra oída supón un risco, non soamente polo posible castigo babilónico, senón pola mesma comunidade xudía, tranquilamente asentada en Babilonia e sen anhelos de volver á Xerusalén arrasada.
**50**, 8 *Comunidade*: xa que o termo "iahad" en Ugarit e Qumrân significa comunidade, asemblea, que dá mellor sentido ca o adverbio "xuntamente". Con esta interpretación queda claro o sentido individual do Servo e a oposición contra el de parte da comunidade xudía. Isto supón que o autor fala antes de Ciro, pois, do contrario, non se explicaría unha reacción contra el tan violenta.
**50**, 10 O respecto (lit. temor), a relixiosidade, han de levar ao recoñecemento do Servo, pois este recibe a súa mensaxe de Deus.
**50**, 11 *O lume* aquí é algo preparado polo pobo, que lle serve de luz para o seu camiñar (comportamento), pero que acabará en sufrimentos. Funciona no texto como oposición ao v. 4, a palabra que instrúe ao cansado e que o esperta pola mañá.

**51**, 1-**52**, 12 O v. **50**, 4, relativo aos diferentes discípulos do profeta, dános pé para entender toda esta sección unitaria sobre o tema da salvación, pero complexa polas formas literarias, oráculos, palabras do profeta, oracións, invitacións, como unha liturxia do grupo de discípulos e dos deportados, piadosos adictos ao profeta dentro da comunidade (**50**, 8). As razóns desta interpretación son:
1) Súplica de **51**, 9-11, que non ten sentido fóra dunha liturxia.
2) A serie de imperativos cos que comezan as distintas unidades e os suxeitos a quen se dirixen, que nos levan á mesma conclusión.
3) As correspondencias entre as sete seccións en forma quiástica, centradas arredor de **51**, 12-15, que desenvolve o tema do Deus consolador do pobo deportado, tema que centra a liturxia que aquí descubrimos.
**51**, 1-3 Esta unidade é unha reflexión teolóxica sobre o poder salvífico e vivificador de Deus, centrado nos títulos de Deus "Penedo" e "Pozo de Augas vivas", na bendición de Abraham, e no tema mítico do xardín de Edén. Esta unidade responde a **52**, 7-12, sobre a toma de posesión do reino de Deus en Sión e as conseguintes mostras de xúbilo pola manifestación do poder de Deus.
**51**, 1 Advírtase o paralelismo de "procurar a xustiza" (adecuación á vontade de Deus = salvación), e "buscar o Señor" (fórmula cúltica que expresa buscar a salvación de Deus), pois Deus é o garante de que á xustiza do home lle corresponde o éxito salvífico. Os títulos divinos *penedo* e *pozo* expresan o apoio firme da fe no Deus poderoso e nas súas promesas, e o poder vivificador de Deus. Por isto, no v. 2 estes títulos refírense a Abraham, home de fe, do que sae todo un pobo, e a Sara, que é vivificada polo poder de Deus.
**51**, 3 Constitúe unha aplicación dos contidos dos títulos á restauración de Sión.

e a todas as súas ruínas,
fará do deserto coma o Edén
e da estepa coma o xardín do Señor,
contento e ledicia haberá nel,
acción de grazas e son de cántigas.

**A miña salvación durará para sempre**

4 Aténdeme, pobo meu!
Poboación miña, escóitame!:
unha lei sae de onda min,
e a miña sentenza será a luz dos pobos.
5 Poño en movemento
a miña pronta vitoria,
sae a miña salvación
e o meu brazo xulgará os pobos.
En min porán a esperanza
as nacións costeiras
e esperarán no meu brazo.
6 Levantade os vosos ollos cara ao ceo,
e ollade para a terra que está abaixo,
pois o ceo esvaecerá coma fumareda,
e a terra cambiará coma un vestido:
os seus habitantes
morrerán coma mosquitos,
pero a miña salvación durará para sempre
e a miña xustiza non decaerá.
7 Escoitádeme os que coñecedes a xustiza,
o pobo que ten a miña revelación
no seu corazón:
Non lle teñades medo
ao desprezo dos homes,
cos seus insultos non estarrezades,
8 o carbuncho comeraos coma a un vestido,
e a traza devoraraos coma a la,
pero a miña xustiza durará sempre,
e a miña salvación
por xeracións de xeracións.

**Súplica do crente e resposta do Señor**

9 Esperta, esperta e revístete de poder,
brazo do Señor!
Esperta coma nos días de antes,
coma nas xeracións eternas.
Acaso non fuches ti quen matou a Ráhab,
e acoitelou ao Dragón?
10 Acaso non fuches ti quen secou o mar,
as augas do grande abismo,
que converteu o profundo do mar
nun camiño, para o paso dos redimidos?
11 Si, os rescatados do Señor volverán
e entrarán en Sión con xúbilo.
Haberá ledicia eterna
sobre as súas cabezas,
invadiraos o xúbilo e a alegría;
o tormento e os suspiros xa fuxiron.

Eu mesmo, o Señor, son quen te consola
12 Eu, eu son quen te consola.
De que terás medo ti?
Dos homes? Morrerán.
Do fillo do home? Non é máis ca herba.
13 Esquecícheste do Señor, o teu creador,
o que estendeu o ceo
e fundamentou a terra,
por iso estiveches estarrecido todo o día,
pola furia do opresor,
cando se decidiu a arrasar.
Pero, onde está a furia do opresor?
14 O preso será librado axiña:
non morrerá no pozo
nin lle faltará o seu pan,
15 pois eu son o Señor, o teu Deus,
que axito o mar de xeito que braden
as súas ondas.
Señor dos Exércitos é o meu nome.

**51**, 4-8 Esta unidade está composta por tres oráculos (sen fórmula introdutoria) dirixidos ao pobo fiel e seguidor do profeta: vv. 4-5. 6. 7-8; e o tema unificador é a salvación de Deus, que durará para sempre e será esperada polas nacións remotas. Este mesmo tema clarificase na segunda parte (**52**, 1), con dous oráculos salvíficos da redención dos deportados.
**51**, 4 O pobo de Deus non son os deportados simplemente, senón todos os que esperan de Deus a salvación. *Sentenza* (heb. "torah"), que realmente significa o fallo ou decisión do tribunal. Os pobos que verán a luz (= salvación), son as diferentes nacións oprimidas polos caldeos.
**51**, 5 O xuízo dos pobos é un xuízo salvífico, pois está en paralelismo con *sae a miña salvación*.
**51**, 7 *Ter a revelación* ("torah"), cf v. 4 no corazón é facer da revelación salvífica de Deus o obxecto das propias esperanzas e proxectos. Os homes que os desprezan e insultan non son os caldeos, que non estaban moi satisfeitos da política de Nabónid, senón os mesmos xudeus que primeiro apostataron do iavismo e se instalaron ben en Babilonia.
**51**, 9-11 Esta unidade consta dunha súplica propia das lamentacións colectivas (e individuais), remarcada por interrogacións que, recollendo temas míticos e da historia da salvación, pretenden fomentar a fe "no poder de Deus" (vv. 9-10), para acabar cun tema oracular en terceira persoa (v. 11). Este esquema lévanos a situar esta liturxia do Servo de Iavé nunha liturxia colectiva na que o elemento da lamentación foi suplantado polo predominio dos elementos oraculares. Esta unidade ten o seu complemento nos vv. 12-16 e 17-23.
**51**, 9 Cf Sal **44**, 21. 27; **74**, 22...: o *brazo* é sinónimo de poder salvífico.
*Ráhab* (cf Xob **9**, 13) e o *Dragón* (Tanín) son monstros-divindades primordiais mariñas (cf Xob **7**, 12).
**51**, 10 O *mar* é a divindade mariña a quen somete Baal na mitoloxía cananea, e o *abismo* (Tehom) que aparece como o caos primordial nos mitos creacionais babilónicos. O autor salta do tema mítico ao tema do paso milagroso do mar dos Xuncos, de Éx **14**, 5-31; Is **40**, 3; **63**, 13.
**51**, 12-16 Estes vv. son un desenvolvemento do oráculo do v. 11. Conclúe a unidade cunha referencia á alianza que esixe a protección divina, reclamada polo pobo na liturxia.
**51**, 15 *Señor dos Exércitos*: aquí "os Exércitos" teñen o dobre sentido de constelacións e astros que inflúen na vida do universo, pois Deus bendí co pan (v. 14) e libra do medo aos exércitos opresores, valéndose dos exércitos persas.

16 Si, puxen as miñas palabras na túa boca,
e cubrinte coa sombra da miña man;
desde que plantei o ceo
e fundamentei a terra,
díxenlle a Sión: "Ti es o meu pobo".

**A copa da ira do Señor pasa aos seus inimigos**

17 Esperta, esperta, levántate, Xerusalén!,
que xa bebiches da man do Señor
a copa da súa ira: da borracheira,
xa a bebiches ata o fondo.
18 Entre todos os fillos que deu a luz,
non hai quen a guíe.
Entre todos os fillos que ela criou,
non hai quen a colla pola man.
19 Estas dúas cousas acontecéronche:
Quen se doía de ti?
Saqueo e caída, fame e espada.
Quen se doía de ti?
20 Os teus fillos non tiñan forzas,
caeron nos cruces de todas as rúas,
coma o antílope na rede do cazador,
esmagados pola ira do Señor,
pola furia do teu Deus.
21 Por isto, escoita ti,
aflixida e borracha, aínda que non de viño.
22 Así fala o teu Señor, Iavé,
o teu Deus que se querelaba co seu pobo:
Xa collín da túa man a copa da borracheira,
non seguirás bebendo o cáliz da miña ira,
23 pois púxeno na man dos que te aflixiron,
dos que che dixeron a ti mesmo:
"Tómbate para que pasemos,
pon o teu lombo como a terra,
como a rúa para os que pasen".

**Anuncio da liberación**

**52** 1 Esperta, esperta,
revístete do teu poder, Sión!;
viste os teus vestidos de esplendor,
Xerusalén, Cidade Santa!,
que non seguirán entrando en ti
nin incircunciso nin impuro.
2 Sacude o po, levanta, Xerusalén cativa!
3 Así fala o Señor:
Fostes vendidos de balde:
sen prata seredes redimidos.
4 Así fala o Señor Iavé: Nun principio o meu pobo baixou a Exipto para vivir alí como emigrante, e logo Asiria oprimiuno por nada. 5 Pois ben! Quen son eu aquí –é o Señor quen fala– para que se me colla ao meu pobo sen máis, e os seus dominadores berren triunfantes –é o Señor quen fala– e se ande a desprezar decote o meu Nome? 6 Por isto o meu pobo recoñecerá de certo o meu Nome naquel día, cando eu diga: "Aquí estou!".

**Anuncio da boa Nova: o teu Deus reina**

7 Que fermosos son sobre os montes
os pés do mensaxeiro de boas novas,
que anuncia a fartura,
que proclama a felicidade,

**51**, 16 O primeiro verso non se pode entender como oráculo vocacional profético, senón que, por mor da referencia á alianza en 16b, hase referir á invocación que fai o pobo na liturxia, das esixencias da alianza e da protección divina; por outra banda, *ti* e *túa* hai que referilos ao pobo (cf **59**, 21). *Plantei* refírese á imaxe dos ceos como unha tenda.
**51**, 17-23 Esta unidade, marcada polos imperativos do v. 17 e polos de **52**, 1, está constituída por un oráculo salvífico de consolación sen introdución oracular (vv. 17-20) e por un oráculo de xuízo de castigo contra os pagáns (vv. 21-23), que ten como elemento de contraste e acusación a consolación de Xerusalén (a retirada da copa de castigo das mans de Xerusalén).
**51**, 17 *A copa* no sentido de castigo xa aparece nos textos de Ugarit, o mesmo ca en Mc **14**, 36 e paral., e ten a súa orixe no cocido de herbas narcóticas que se lle daba ao axustizado para lle facer máis levadía a morte (cf Mc **15**, 36).
**51**, 18 Xerusalén como nai do pobo queda abandonada, pois os seus fillos nin dela se coidan.
**51**, 19 A resposta á interrogación é soamente Deus. As dúas cousas pasan a ser catro, por mor do paralelismo: saqueo = fame; caída = espada.
**51**, 23 Desde o desterro os oráculos contra as nacións constrúense en contraste coa salvación do pobo de Deus. *Tómbate*...: desde a época asiria o sinal de dominio sobre os vencidos era camiñar sobre eles, como o mostran os baixorrelevos históricos.

**52**, 1-6 Esta unidade é unha chamada á liberdade, composta de tres oráculos: o primeiro, sen introdución textual (vv. 1-2), é de tipo práctico xeral; o segundo (vv. 3-4) e terceiro (vv. 5-6), con introdución, describen aspectos desta liberación: a súa gratuidade e o protagonismo divino é a auto-manifestación do dinamismo de Deus.
**52**, 1 Vestirse e revestirse expresan a condición de homes libres, pois o escravo e o cativo ían espidos. A santidade de Sión impide que se permita a entrada do incircunciso e impuro.
**52**, 2 Sacudir o po dos pés era rito de maldición contra os habitantes da cidade.
**52**, 3 A deportación do pobo considérase unha venda (**50**, 1), da que Deus o seu dono, non sacou proveito; por iso tamén serán rescatados sen violencias e sen gastos, sen que lle custe a Deus nin ao pobo.
**52**, 5 Nótese que o autor non motiva a liberación na expiación realizada polo pobo, senón na ofensa e desprezo do Nome de Deus por maltrataren o seu pobo.
**52**, 7-12 Esta unidade ten como centro o "mebasser" (mensaxeiro) e a súa mensaxe da inauguración do reinado de Deus en Sión (vv. 7-10), para acabar coas normas que o mesmo personaxe dá para a saída cara a Sión (vv. 11-12).
**52**, 7 *Mensaxeiro de boas novas* ("mebasser"), eran os soldados que se anticipaban ao exército para anunciarlle á cidade a vitoria e preparar así a festa do triunfo. Pero o termo é aquí un cualificativo do profeta (cf **40**, 9; **41**, 27; **60**, 6; **61**, 1), que non pode ser outro ca o Servo de Iavé.

que pregoa a salvación,
que di: "Sión, o teu Deus reina!".
[8]Un grito! Os teus vixías levantan a voz,
berran xubilosos a un tempo:
"Todos os ollos contemplarán
a volta do Señor a Sión".
[9]Berrade a coro con xúbilo,
ruínas de Xerusalén,
que o Señor consolou o seu pobo,
redimiu Xerusalén.
[10]O Señor remangou o seu brazo santo
aos ollos de todos os pobos,
e todos os confíns da terra
viron a salvación do noso Deus.
[11]Apartade, apartade, saíde de aí,
non toquedes cousa impura.
Saíde do medio dela, mantédevos limpos,
os que levades os vasos do Señor.
[12]Non saiades de présa
nin marchedes á escapada,
que diante de vós camiña o Señor,
e a vosa retagarda é o Deus de Israel.

**Cuarto poema do Servo de Iavé**

[13]Velaí: o Excelso, o Sublime,
o Altísimo daralle éxito ao seu Servo.
[14]A grande multitude
quedará abraiada ante el,
pois o seu aspecto
non parecía o dun home,
a súa figura non parecía
a dun fillo de Adán.
[15]Pero agora fará conmover
a pobos numerosos:
por causa del os reis pecharán a súa boca,
porque contemplarán
o que nunca se lles contou,
e comprenderán o que nunca escoitaron.

**53** [1]Quen creu o que lle dixemos?
A quen se lle revelou
o brazo do Señor?
[2]El subiu coma tenro gromo
na súa presenza,
coma raíz en terra reseca.
Non tiña beleza nin esplendor;
vímolo, e o seu aspecto non era atraente.
[3]Desprezado, o máis rexeitado dos homes,
home de sufrimentos,
familiarizado coa dor.
Coma alguén de quen se esconde a cara,
desprezado, non lle tivemos aprecio.
[4]El cargou coas nosas dores,
el soportou os nosos sufrimentos.
Nós considerámolo ferido,
castigado por Deus e aflixido.
[5]Pero foi ferido
por causa das nosas rebeldías,
foi esmagado polas nosas iniquidades.
O castigo que nos trouxo a paz
caeu sobre el,
a súa ferida foi a nosa curación.
[6]Todos nós coma rabaño
andabamos perdidos,
cada un polo seu camiño.
Pero o Señor puxo nel
a iniquidade de todos nós.
[7]Foi oprimido, foi aflixido;
pero el non abriu a súa boca.
Foi levado coma unha res á matanza,
e, coma ovella muda ante o tosquiador,
non abriu a súa boca.
[8]Foi levado cun xuízo perverso,
ninguén se preocupou da súa vida.
El foi arrincado do mundo dos vivos,
para o noso ben foi ferido
pola rebeldía do seu pobo.

*Os pés* expresan aquí a axilidade e dilixencia da persoa.
**52**, 8 *Os teus vixías*: non son os vixías de Sión, senón os membros do grupo profético ou os participantes na liturxia, que clarifican e explican a mensaxe do "mebasser".
**52**, 11 As preocupacións pola pureza cúltica xa afloraron no v. 1.
**52**, 12 A presenza de Deus acompaña a comitiva dos que volven como nunha procesión sagrada ben organizada.
**52**, 13-**53**, 12. Este cantar diferénciase dos tres anteriores en que quen fala non é o Servo, senón que fala un "nós" (**53**, 1), que non pode ser máis ca o grupo de discípulos e adictos, que sen dúbida foron os seus autores, despois da morte violenta do profeta. O cantar consta dunha primeira manifestación do plan de Deus sobre o seu Servo: o que el anunciaba hase cumprir, conmovendo a pobos e reis (**52**, 13-15). Dúas cuestións retóricas introducen unha nova descrición do xurdir humilde do Servo protexido pola presenza de Deus, e insistindo nos aspectos de desprezo e de dor (vv. 2-3), para clarificarse estes sufrimentos co sentido expiatorio dos pecados do grupo ("nós", vv. 1-8). Nos vv. 9-11 insiste o autor na función expiatoria das súas dores, pero xa non se refiren a un "nós", senón a "moitos" (v. 11). Conclúe o poema cun oráculo (v. 12) sen introdución, no que se fala do seu éxito a través da expiación e da súa intercesión polos malvados.
**52**, 15 *Pecharán a súa boca*: ou tapar a boca coa man, era o xesto da persoa contrariada polos feitos e que non sabe responder (cf Xob **40**, 4). Esta actitude supón que a liturxia de **51**, 1-**52**, 12 ten como autor o Servo de Iavé, e que por ela é castigado e martirizado.
**53**, 1 A revelación do poder (brazo) do Señor realízase nas vitorias de Ciro sobre medos e caldeos, o que fai datar o poema polo ano 539.
**53**, 2 As imaxes do gromo tenro e da terra reseca refírense á desprotección humana do Servo, soamente amparada por Deus (na súa presenza).
**53**, 3 O esconderlle a cara ou a mirada a un desgraciado e desafortunado debíase a que se cría que o tal era obxecto da ira de Deus, e que esta ira podía estenderse a quen o miraba.
**53**, 4 *Cargou coas nosas dores*: cargou coas dores que nós mereciamos como castigo polos nosos pecados.
**53**, 5 *Paz*: a bendición divina e a liberación do exilio.

9 Puxeron a súa sepultura
entre os malvados,
e a súa tumba entre os ricos,
aínda que non cometeu violencia,
nin houbo fraude na súa boca.
10 O Señor quixo esmagalo
co seu sufrimento:
Si, entrega a túa vida
en expiación polo pecado.
Pero el verá descendencia,
alongará os seus días
e por medio del cumprirase
a salvación do Señor.
11 Polos traballos da súa vida verá a luz,
alcanzará a sabedoría.
O Xusto volverá xusto o seu Servo
para o ben de moitos
e as iniquidades destes el soportará.
12 Por isto repartirei con el
xunto cos grandes,
e cos poderosos terá parte no botín,
porque entregou a súa vida á morte
e foi contado cos malvados.
Si, el foi o que cargou
co pecado de moitos
e fai a intercesión polos malvados.

### Restauración gloriosa de Sión

A. *Restauración humana*

**54** 1 Berra leda ti, estéril,
a que non deches a luz,
rompe en aclamacións,
exulta ti, a que non sentiches
as dores do parto,
porque os fillos da abandonada
serán moitos máis
ca os fillos da casada, dixo o Señor.
2 Alonga o espazo da túa tenda,
estende as cortinas das túas moradas,
non te negues;
alonga as túas cordas,
afinca as túas ferraxes,
3 que terás que estenderte
para a dereita e para a esquerda,
pois a túa descendencia herdará nacións
e volverá habitar cidades arrasadas.
4 Non teñas medo,
que non te avergonzarás;
non teñas vergonza,
que non terás que arrubiarte,
pois esquecerás a vergonza
da túa mocidade,
e do oprobio da túa viuvez
non te lembrarás máis.
5 Pois velaí o teu Facedor, o teu Creador,
Señor Todopoderoso é o seu nome.
Certo que o teu Redentor
é o Santo de Israel,
chámase Deus de toda a terra.
6 Si, o Señor chamoute
como a esposa abandonada
e aflixida no espírito,
e como a esposa da xuventude,
que de certo foi rexeitada.
O teu Deus díxoche:
7 Durante un pouco tempo abandoneite,
pero con inmensa compaixón recollereite.
8 Por un arrebato de ira escondín

**53**, 9 Se o pobre é sinónimo de xusto, o malvado ten que ser sinónimo de rico; no contexto histórico do desterro, isto ten todo o seu valor, pois os ricos teñen que estar a favor dunha política pro-persa, xunto con boa parte da poboación babilónica máis tradicionalista e oposta ás reformas de Nabónid.

**53**, 10 A descendencia e o alongamento da vida hanse entender nun sentido profético e espiritual, pois os discípulos do profeta chamábanse seus fillos, e espiritualmente prolongan o seu pensamento, como se ve nalgunhas partes do II Is e neste mesmo texto dos discípulos do Servo de Iavé.

**53**, 11 O termo *luz* vai en paralelo con "ciencia", función salvífica e vieiro para o éxito, que será a súa revelación profética. Luz significa a revelación ou manifestación salvífica. Este texto deixa ver unha luz de subsistencia en vida plena para o Servo, pois soportará as iniquidades de moitos, cousa que ou ben hai que entender no sentido da intercesión do v. 12c ou no sentido dos seus merecementos, que impiden o posible castigo de Deus.

**53**, 12 *Os malvados* son os rebeldes á orde establecida en Babilonia. *Moitos* = multitude que inclúe o pobo xudeu e os demais pobos escravizados por Babilonia.

**54**, 1-**55**, 9 Esta unidade literaria está composta por tres seccións, que se organizan cada unha con dous oráculos, apartados entre si por palabras do profeta e que desenvolven o tema da restauración de Sión nos seus diferentes aspectos, aínda que os aspectos gloriosos e de protección divina salientan nas tres seccións.

**54**, 1-10 Esta unidade componse de dous oráculos (vv. 1-3; vv. 6-10). Aínda que o primeiro non ten introdución, ofrece unhas palabras de ánimo do profeta para promover a esperanza do pobo (vv. 4-5). Non obstante este esquema, hai no texto un tratamento progresivo do restablecemento de Xerusalén como esposa de Deus.

**54**, 1 *Estéril*, viúva e abandonada, por ser rexeitada.

**54**, 1-3 Neste primeiro oráculo teoloxízase a restauración da Xerusalén do exilio coa restauración de Sara na súa maternidade, pois a abandonada do v. 1 é abandonada por mor da súa esterilidade. No v. 3 atopamos unha referencia á bendición de Abraham en Xén.

**54**, 2 O paralelismo Xerusalén-Sara fai pensar en Xerusalén como na dona dun pastor que vive en tendas.

**54**, 4-5 As referencias á vergonza da mocidade do pobo (Xerusalén), infidelidades a Deus no Éxodo, das que son unha continuación as que provocaron a súa viuvez (o desterro en Babilonia), contrastan cos títulos divinos que mostran o seu poder creador e redentor, chamando o pobo á fe e á esperanza.

**54**, 6 *A esposa* (= pobo, Xerusalén) abandonada non ten o mesmo sentido ca no v. 1, senón que é a esposa repudiada por Deus por mor da súa infidelidade (alusión ao desterro); aquí é destinataria do oráculo de compaixón, de amor eterno e dunha alianza e paz inmutables.

a miña cara de ti algún tempo
pero con amor eterno
teño compaixón de ti,
dixo o Señor, o teu Redentor.
[9]Si, nos días de Noé aconteceume isto:
xurei que as augas de Noé
non volverían cruzar sobre a terra,
así tamén xurei que non me anoxaría
contra ti nin te ameazaría.
[10]Pois os montes moveranse
e os outeiros abanearán,
pero o meu amor
non se moverá de onda ti
e a miña alianza de paz non cambaleará,
dixo o Señor, que ten compaixón de ti.

B. *Restauración material*
[11]Aflixida, azoutada polos ventos,
non es compadecida.
Olla que eu asento
con cordel de color as túas pedras
e ciméntote con zafiros.
[12]Asento as túas torres con rubís,
e as túas portadas con pedras de cuarzo.
Toda a túa muralla con pedras preciosas.
[13]Todos os teus fillos
son discípulos do Señor,
e mestres da paz son os teus fillos,
[14](e) estabas ben afincada na xustiza.
Gárdate lonxe da opresión.
Non teñas medo!
E lonxe do terror. Que a ti non se arrime!
[15]Se alguén te atacase,
non o fará da miña parte,
quen te atacase, caerá por causa túa.
[16]Olla: eu creei o ferreiro
que sopra nos carbóns do lume,
e fabrica ferramentas para o seu traballo;
pero eu tamén creei o Destrutor
para arruinar.
[17]Toda arma que se faga para ir contra ti,
non terá éxito,
e toda lingua que se levante
contra ti no tribunal,
ti probarás que é culpable.
Este é o quiñón
da herdanza dos servos do Señor.
Si, a xustiza deles vén de min,
é o Señor quen fala.

C. *Restauración espiritual: a alianza eterna e o mesianismo universal*
**55** [1]Oh, sedentos todos, vide por auga!
Os que non tedes prata, vide,
comprade comida e comede,
vide e comprade comida;
sen prata e sen diñeiro
(mercade) viño e leite.
[2]Por que cambiades prata
polo que non é pan
e o voso xornal polo que non farta?
Escoitádeme ben:
comede ben e que a vosa gorxa
se alegre coa graxa.
[3]Baixade o oído e vide onda min,
facédeme caso
e revivirán as vosas ilusións,
pois pactarei convosco
unha alianza eterna,
os beneficios de David,
que se manteñen firmes.
[4]Velaí: fareino pregoeiro das nacións,
príncipe e lexislador das nacións.
[5]Convocarás un pobo que non coñeces,
e un pobo que non te coñece
correrá onda ti,

**54**, 10 O amor e a alianza de Deus serán máis estables e firmes ca os montes e os outeiros.
**54**, 11-17 O mesmo que a sección anterior, consta de dous oráculos (vv. 11-12 e 15-17), separados por unhas palabras de conforto e de invitación a fiarse do Señor (vv. 13-14).
**54**, 11 Aínda que a expresión *aflixida* e *non compadecida* se refire a Xerusalén como esposa de Deus, a expresión *azoutada polos ventos* refírese á cidade como lugar físico arrasado. As pedras preciosas queren mostrar o espléndido da reconstrución que Deus fará.
**54**, 13 O v. 13 pode entenderse como continuación do oráculo dos vv. 11-12, por ser o fundamento da exhortación do v. 14 b, que está en paralelo cos vv. 4-5. Estes vv. 13-14 deben entenderse como partes da exhortación, pois a docilidade ao maxisterio do Señor e o ensino da paz ou fartura que vén do Señor, son a xustiza na que o pobo está afincado, e por isto non ha de ter medo á opresión.
**54**, 16 *O Destrutor* ou Exterminador era, nas antigas concepcións dos pastores de rabaños, un espírito axente de morte, o que celebraba o antigo ritual da Pascua (cf Éx **12**, 13. 23).
**54**, 17 Os servos de Iavé son aquí os que reciben en herdanza a protección de Iavé na Xerusalén reconstruída por Deus.
**55**, 1-9 Esta sección tamén está composta de dous oráculos (vv. 1-5; vv. 8-9), unidos por unha exhortación profética (vv. 6-7), que liga o tema da alianza celebrada no culto (vv. 1-5) cos plans do Señor (vv. 8-9).
**55**, 1-5 A invitación ao banquete gratuíto e ledo é un símbolo da alianza de Deus co seu pobo, concretada na alianza de bendición coa descendencia davídica, pois as alianzas concluíanse cun banquete, e os mesmos banquetes de sacrificio tiñan carácter de banquetes de renovación da alianza. Os vv. 4-5 estenden a alianza mesiánica aos pobos, convertendo ao mesías no pregoeiro de paz para as nacións.
**55**, 2 *A graxa* era a comida máis prezada para os semitas: por iso ofrendábase e queimábase en honor de Iavé nos sacrificios.
**55**, 3 *A alianza eterna*, en paralelo cos *beneficios de David*, non se refire soamente á alianza mesiánica, senón tamén á renovación da alianza sinaítica co pobo, na que se engloba a alianza davídica e a alianza cos pobos.

polo Señor, o teu Deus,
e polo santo de Israel,
que, tanto te glorificou!
[6]Buscade o Señor mentres se deixa atopar,
invocádeo mentres está cerca.
[7]Que o malvado deixe o seu vieiro,
e que o home pecador
(deixe) os seus plans,
que se volva ao Señor
para que teña misericordia del,
que (se volva) ao noso Deus,
que tanto engrandece ao perdoar!
[8]Pois si, os meus plans
non son os vosos plans,
nin os vosos vieiros son os meus vieiros
–é o Señor quen fala–.
[9]Canto máis altos son os ceos ca a terra!
Así son máis altos os meus plans
ca os vosos plans,
e os meus vieiros do que os vosos vieiros.

**Conclusión de Deuteroisaías**

[10]Como a chuvia e a neve baixan do ceo
e non volven alá sen enchoupar a terra,
fecundala e facela brotar,
para que lle dea semente ao que sementou
e pan ao que come,
[11]así tamén será a miña palabra
que sae da miña boca:
non volverá a min en van,
senón que fará o que eu queira,
e conseguirá aquilo para o que a mandei.
[12]Si, sairedes con ledicia
e seredes traídos con fartura,
os montes e os outeiros estalarán
de xúbilo na vosa presenza,
e todas as árbores do campo
baterán as palmas.
[13]En vez de silvas medrará o ciprés,
en vez de estrugas medrará o buxo,
e isto serviralle ao Señor de renome,
de sinal eterno que non desaparecerá.

## TRITOISAÍAS

**A fidelidade ao sábado e á Alianza acercan a salvación**

**56** [1]Así fala o Señor:
Cumpride o dereito
e practicade a xustiza,
que a miña salvación
está próxima a chegar
e a miña xustiza (está próxima)
a mostrarse.
[2]Benaventurada a persoa que cumpra isto
e o fillo de Adán
que se manteña nisto firme,
gardando o sábado sen profanalo
e gardando a súa man
de facer calquera maldade.
[3]Que o fillo de estranxeiro
que se apega ao Señor
non fale nestes termos:
"O Señor apártame
totalmente do seu pobo".
Que o eunuco tampouco diga:
"Son apenas unha árbore seca".
[4]Porque así fala o Señor:
Aos eunucos que gardan
os meus sábados,
e elixen o que a min me gusta
e que se manteñen firmes
na miña Alianza,
[5]dareilles no meu templo
e dentro dos meus muros
ración de comida e renome,
mellor do que fillos e fillas.

**55**, 6-7 A exhortación a buscar o Señor, refírese ao culto expiatorio, e sublíñanse as súas esixencias de conversión moral.
**55**, 7-9 *Tanto engrandece...* O obxecto de engrandecer pode ser Deus mesmo, ou mellor, o pecador a quen Deus perdoa. O oráculo dos vv. 8-9 é un comentario ao engrandecemento co perdón, pois os plans e vieiros de Deus son precisamente o perdón e a misericordia.
**55**, 11-13 Estes dous oráculos (vv. 10-11; vv. 12-13) constitúen unha inclusión con **40**, 1-8, en forma quiástica: o tema do dinamismo da palabra de Deus (**40**, 8-**55**, 10-12) e o tema do vieiro sagrado para volver do desterro (**40**, 3. 4; **55**, 12-13).
**55**, 13 Sobre *o buxo*, cf nota a Zac **1**, 8. Tanto o *buxo* coma o *ciprés* son árbores de folla perenne e símbolos da vida gloriosa.
**56**, 1-8 Esta primeira unidade está composta de tres oráculos (vv. 1-2.4-7. 8), dos que o segundo vén introducido por unha exhortación do profeta, que o mesmo oráculo xustifica. O primeiro oráculo é tan xeral (o home, o fillo de Adán) que tamén se debe referir aos prosélitos ou estranxeiros casados con xudeus. A observancia sabática dos vv. 2 e 6 recomenda englobar os tres oráculos. A data do texto está entre o ano 515 pois o templo funciona xa, e o 445, momento en que Esdras prohibe os matrimonios mixtos.
**56**, 2 A garda do descanso sabático era expresión relixiosa da fe e esperanza no poder salvífico de Deus, que permite á persoa crente tal descanso.
**56**, 3 Os eunucos estaban proscritos da comunidade cúltica en Dt **23**, 1-8; pero, se teñen fe e esperanza no poder de Iavé e son fieis á alianza, pertencen en plenitude á mesma.
**56**, 5 *Ración de comida* (lit. "man"): a man coa que se recibe a ración de comida repartida no templo, e, por metonimia, a ración mesma.

Dareilles un nome eterno
que non desaparecerá.
6É aos fillos de estranxeiro
que se apegan ao Señor,
servindo e amando o Nome do Señor,
sendo os seus servos,
a todo o que garde o sábado sen profanalo
e aos que se manteñan firmes
na miña Alianza,
7traereinos ao meu monte santo
e alegrareinos na miña casa de oración.
Os seus holocaustos e os seus sacrificios
servirán de ofrenda de amor
sobre o meu altar.

**A crise da volta do desterro**

Pois o meu templo chamarase
casa de oración para todos os pobos.
8Así fala o Señor, Iavé,
quen reúne aos dispersados de Israel:
Volverei congregar arredor de Israel
aos que se lle xunten.
9Todas as súas feras do campo,
vide comer,
todas as súas feras do bosque.
10Os seus vixías están todos eles cegos,
non coñecen,
todos eles son cans mudos,
non son capaces de ladrar;
dormen, déitanse,
son amigos de botar a sesta.
11Velaí os cans de poderosa gorxa,
que non se saben fartar.
Velaí os pastores
que non saben distinguir:
Todos eles van polo seu vieiro,
cada un tras da súa ganancia sen límite.
12Vide, que eu collo o viño,
e emborrachémonos de licor,
que mañá será coma hoxe,
abundancia moito maior.

**57** 1O xusto perece
e non hai un que o considere.
Si, os homes de ben desaparecen,
sen ninguén que o note.
Cando o xusto desaparece da presenza
do malvado, 2chégalle a paz.
Que descansen
nos seus lugares de repouso,
pois cada un deles camiñou
dereito polo seu camiño!

**Contra as prácticas idolátricas**

3Eh, vós, achegádevos aquí,
fillos da adiviña!
Raza adúltera, como te prostitúes!
4De quen vos burlades?
A quen lle abrides a boca,
(e) lle sacades a lingua?
Acaso non sodes vós, fillos da rebeldía,
descendencia da mentira?
5Vós, que vos excitades sexualmente
entre os terebintos,
debaixo de toda árbore enramada,
que degolades os fillos nos regueiros,
debaixo das fendeduras dos penedos.
6Os coios do río son o teu quiñón,
eles mesmos son a túa sorte,
tamén sobre eles vertiches a libación
e presentaches a ofrenda.
Voume consolar eu con estas cousas?
7Sobre o monte alto e levantado
puxeches o teu leito,
tamén alí subiches
para ofrecer o sacrificio.
8Si, detrás da porta e do marco
puxeches o teu memorial,
pois mil veces te espiches e subiches
ao teu leito para anchealo.
Si, fixeches con eles un pacto,
amaches os seus leitos,
viches as súas vergonzas.
9Ti marchaches onda Mélec co teu aceite,
aumentaches os teus perfumes,
mandaches os teus mensaxeiros
ata moi lonxe,
fixéchelos baixar ata o xeol.
10Co teu longo camiño cansaches,

**56**, 7 Nótese que o templo se considera lugar de oración máis ca de sacrificios, e que os mesmos sacrificios son expresión dunha relación interpersoal de amor de Deus.
**56**, 9-**57**, 2 Esta unidade comeza cunha invitación ás feras do campo (nacións veciñas, especialmente as tribos árabes nabateas e os edomitas) a que veñan engulir o pobo, pola irresponsabilidade e avaricia dos dirixentes, que non defenden os intereses da xente diante dos persas. O texto conclúe en linguaxe directa coa oposición entre o xusto e o malvado.
**57**, 1 *Considere*: lit. "poña sobre o corazón".
**57**, 2 *Cada un deles*: quere ser a solución do participio (con sentido distributivo, en singular), que segue ao verbo *descansen* (en plural). *Dereito... camiño*: non é aquí camiño xusto, senón camiño que leva directamente á xustiza a quen é xusto e á maldade a quen é malvado.
**57**, 3-13 Esta unidade literaria é a continuación da crítica da anterior en forma de oráculo, acabando no v. 12 cun oráculo salvífico. O v. 13, aludindo ao "monte do Señor", supón unha situación de proximidade á volta do desterro.
**57**, 3 *A adiviña* aquí é Xerusalén, e literalmente refírese o termo á adiviñación pola forma e movemento das nubes. Recorda as falsas profecías, como falsos profetas eran os deuses que as inspiraban.
**57**, 4 *Rebeldía e mentira* son sinónimos dos ídolos.
**57**, 5 Alusión aos cultos naturalistas de fertilidade e sacrificios humanos (cf Xer **7**, 3; **32**, 35; tamén Lev **18**, 21; **20**, 2-4; 2 Re **23**, 10).
**57**, 9 *Mélec* ("rei") era un dos nomes de Baal. Tamén se lía "Moloc".

(pero) non dixeches: "Isto é desesperante".
(Logo) atopaches a vitalidade do teu sexo,
por isto non estabas enfermo.
[11]De quen te amedrentaches e temiches,
por lle seres desleal?
Porque de min non te lembraches,
nin sequera en min pensaches!
Acaso non foi porque estiven en silencio,
si, desde sempre,
e por isto non me respectaches?
[12]Eu farei ver a túa xustiza e as túas obras,
que non che axudarán.
[13]Cando ti clames para que te salven
os que se xuntaron ao teu lado,
a todos eles levaraos o vento,
un sopro arrebataraos.
Pero quen confíe en min herdará a cidade
e posuirá o meu monte santo.

**A salvación para os humildes e abatidos**

[14](O Señor) di:
Amontoade, amontoade terra,
achanzade o camiño,
levantade os atrancos
do camiño do meu pobo.
[15]Porque así fala o Altísimo, o Excelso,
o que reside na sala do seu trono,
que ten de Nome o Santo:
Eu resido no templo celeste,
(pero) tamén co humillado
e co de espírito abatido,
para reanimar o espírito dos abatidos,
e para revitalizar o corazón
dos humillados.
[16]Certo que non me querelarei sempre,
nin estarei anoxado constantemente,
senón o espírito languidecería
lonxe da miña presenza
e os viventes que eu creei.
[17]Alporiceime pola iniquidade
da súa cobiza
e castigueino escondéndome
no meu anoxo,
[18]eu observaba o seu comportamento
e el, rebelde, seguía no comportamento
do seu corazón.
Pero curareino e dareille descanso,
enchereino de consolacións,
e para os seus enloitados
[19]crearei un canto de loanza:
"Paz, paz, para os de lonxe
e mais para os de cerca
–fala o Señor–, si, curareino".
[20]Pero os malvados serán
coma o mar axitado,
que non é capaz de estar quedo,
con augas que botan lama e lodo.
[21]"Para os malvados –fala o meu Deus–
non haberá paz".

**O xaxún que ao Señor lle gusta**

**58** [1]Clama coa túa gorxa, non pares,
levanta a túa voz
coma unha trompeta.
Denúncialle ao meu pobo a súa rebeldía,
e á casa de Xacob os seus pecados.
[2]Día tras día búscanme a min
e comprácense no coñecemento
dos meus vieiros,
coma se fosen un pobo
que practicase a xustiza
e non abandonase a lei do seu Deus.
Pregúntanme polos preceptos da xustiza
e comprácense coa proximidade de Deus.

**57**, 11 *Pensaches*: lit. "puxeches sobre o teu corazón" (cf **57**, 1 e nota).
**57**, 13 *Cidade* (heb. "ares" = terra, país), aquí co sentido de capital do país, Xerusalén, que fai bo paralelismo co "meu monte santo" (cf nota a **1**, 7 e a **2**, 7).
**57**, 14-21 Toda esta sección constitúe un oráculo salvífico, aparecendo por contraste soamente elementos dun oráculo condenatorio (vv. 17 e 20-21). A situación que supón o texto é a que seguiu á volta dos primeiros desterrados (cobiza, rebeldía: v. 17): aínda non existe o templo reconstruído, pois o autor sitúa a Deus no templo celeste (v. 15). O ton de esperanza salvífica depende do II Is.
**57**, 14 Este v. é un oráculo que nos fala da vía sacra, que é o camiño do pobo do Señor, e que debe referirse ás dificultades que atopa o pobo dos desterrados para o seu asentamento en Xudá: ocupación de casas e terras.
**57**, 15 *Templo celeste*: o autor contrasta a transcendencia divina (trono e templo celeste) cos azos divinos aos que volveron do desterro, que se ven desposuídos e desanimados (referencias ao espírito e ao corazón, sede dos plans e proxectos).
**57**, 17 Este v. contén a explicación teolóxica das dificultades dos que retornaron: a súa cobiza e rebeldía á vontade divina na repartición de bens. Mantíñanse nas súas apetencias e arelas.
**57**, 19 *Canto de loanza*: (lit. "froitos dos labios") refírese á acción de grazas pola restauración.
*Paz* aquí significa bendición, fartura, para os deportados que alá quedaron (= os de lonxe), para os que retornaron e para os que non foron deportados (= os de cerca).
**57**, 20 Este oráculo de condenación esixe a conversión da maldade, para que o pobo poida percibir a paz salvífica. O mar axitado (carácter perigoso e mortífero do mar) contrasta co aspecto positivo da paz (bendición e fartura).
**58**, 1-12 Literariamente o texto é unha exhortación profética en resposta ás cuestións de xaxún (v. 3a), coa que o autor trata de descubrir o verdadeiro sentido deste: cumprir coas esixencias da xustiza (vv. 3b-4. 6) e da caridade (vv. 7-10), para que se mostre a acción salvífica de Deus (vv. 8. 10b-12). Aínda que no v. 2c se fala da proximidade de Deus, non é preciso entendela como sinal da reconstrución do templo, que segundo Ax **1**, 4 permaneceu moitos anos derrubado, mentres que a cidade xa a tiñan reedificada. Esta situación fai comprender a actitude de inxustiza no último terzo do s. VI.

3Por que xaxuamos, se ti non o ves?
Por que afliximos a nosa gorxa,
se ti non te decatas?
Velaí: no día do voso xaxún
atopades o voso negocio,
e oprimides os vosos traballadores.
4Velaí: xaxuades para a querela
e para a disputa,
si, para darlle pancadas ao malvado.
Non xaxuedes coma hoxe,
para facer oír no ceo a vosa voz.
5É acaso coma este o xaxún que eu quero
no día en que o home aflixe a súa gorxa,
dobra a súa cabeza coma un xunco
e estende saco e cinsa para se deitar?
A isto chamas xaxún
e día agradable para o Señor?
6Non é estoutro o xaxún que eu quero?
Romper as cadeas inxustas,
deslear as sogas do xugo,
mandar libres os oprimidos
e romper todo xugo.
7Non é acaso repartir
o teu pan co famento
e acoller na túa casa os pobres sen teito?
Cando vexas o espido, vísteo
e non te escondas da túa propia carne.
8Entón resplandecerá
a túa luz coma a alba
e a carne nova da túa ferida brotará logo.
Si, a túa xustiza camiñará diante de ti
e a gloria do Señor pechará a marcha.
9Entón clamarás ao Señor
e responderache;
pediraslle axuda e dirache: "Aquí estou".
Se apartas do medio de ti o xugo,
o sinalar co dedo e a palabra mala,
10se lle quitas ao famento
a gana que ti sentes,
e fartas a gorxa aflixida,
entón a túa luz brillará na escuridade
e a túa tebra será coma o mediodía.
11E o Señor conducirache constantemente
e fartará a túa gorxa nas sequidades,
fortalecerá os teus ósos
e serás coma un horto ben regado.
Si, como un manancial de augas
que non deixan de manar.
12Reconstruiranse contigo
as ruínas eternas,
e ti erguerás os cimentos
de xeracións e xeracións,
a ti chamaráseche "Albanel de gretas",
"Restaurador das vereas da antigüidade".
13Se apartas o teu pé o sábado,
de faceres o que ti queres
no meu día santo,
se lle chamas ao sábado: "Delicia";
ao día santo do Señor: "Venerable",
e se o veneras, deixando
de facer as túas viaxes,
de atopar os teus negocios
e de tratar os teus asuntos,
14entón atoparás o teu pracer no Señor
e eu fareite montar a cabalo
das alturas da terra,
e dareiche a comer a herdanza
de Xacob, teu pai.
Si, falou a boca do Señor!

### Virá a salvación, a pesar do pecado

**59** 1Velaí a man do Señor:
non é tan curta que non poida salvar,
nin o seu oído tan duro que non oia,
2senón que as vosas iniquidades
foron as que vos separaron do voso Deus,
e os vosos pecados tapáronlle
a cara para non vos escoitar.
3Certamente as palmas das vosas mans
están lixadas de sangue vertido,

**58**, 4 *Facer oír... a vosa voz*: a voz que de feito fan oír é a das querelas, disputas e puñadas, non a da súplica e clamor propio da liturxia penitencial.
**58**, 6 *O xugo* é símbolo da opresión, na relación cos outros membros do pobo.
**58**, 7 *Túa casa*: o posesivo túa sobreenténdese, por paralelismo. *Carne* ten aquí sentido de tribo, familia.
**58**, 9 *Sinalar co dedo* era un xesto insultante.
**58**, 10 Nótese o dobre sentido de "néfex", no mesmo v.: a *gana* e a *gorxa*.
**58**, 11 *Os ósos*, como a sede máis íntima do espírito humano (Ecl **11**, 5), queren expresar as esperanzas frustradas de felicidade do home ou do pobo, sen a forza de Deus (cf Ez **37**).
**58**, 12 *Contigo*: a partir de ti, sacando de ti, pois refírese á reconstrución xenética do pobo.
**59**, 1-20: O v. 1 parece a resposta do profeta a unha cuestión proposta polo pobo post-exílico: Por que non se cumpren as profecías de esperanza do II Is? A resposta contén unha afirmación teolóxica do poder de Deus e da súa atención ao pobo (v. 1). Nos vv. 2-4, o autor culpa aos pecados do pobo de entorpecer o cumprimento das promesas; os vv. 5-8 desenvolven o tema das consecuencias mortíferas e inútiles do pecado (primeiro con comparacións: vv. 5-6a; e logo en linguaxe directa: vv. 6b-8). Nos vv. 9-15a aplícase ao pobo ("nós") o exposto nos vv. 2-8 en forma xeral. A función desta auto-confesión colectiva é a de servir de contraste ao oráculo salvífico que segue (vv. 15b-17), no que se remarca a iniciativa e protagonismo divino na obra salvífica; o castigo pola débeda do pecado cae sobre os adversarios e inimigos (v. 18), para que todos os pobos respecten o Nome do Señor, que se mostra bendicinte e vivificador en Sión (vv. 18-20).
O v. 21 desenvolve o tema do v 20. O Espírito de Iavé constitúese en mediador da alianza eterna co pobo elixido.

e os vosos labios falan mentiras
e a vosa lingua murmura maldades.
4Non hai quen clame pola xustiza,
nin hai quen sexa xulgado con verdade,
confíase no caos e fálase a falsidade;
estase preñado de ruindade
e párese a maldade.
5Chocan ovos de víbora
e tecen teas de araña:
quen come eses ovos morre,
e quen creba un deses ovos
choca unha víbora.
6As súas teas non serven para vestidos,
pois non tapan os seus feitos:
os seus feitos son traballos da maldade,
e obra da violencia hai nas súas mans.
7Os seus pés corren para o mal,
e apuran para verter sangue inocente.
Os seus plans son plans de maldade,
nos seus vieiros hai saqueo e arraso.
8O camiño da paz non o coñecen
e nos seus vieiros non hai xustiza,
torcen as súas vereas para o seu proveito,
todos corren a onde non se coñece a paz.
9Por isto a xustiza afastouse de nós,
e a moralidade non nos alcanzou.
Esperamos a luz e velaí a escuridade,
esperamos o esplendor
e camiñamos nas tebras.
10Andamos coma cegos
apalpando a parede,
si, coma o que non ten ollos
andamos apalpando.
Tropezamos ao mediodía
coma na escuridade,
estando entre os sans
coma estando entre mortos.
11Todos nós bruamos coma osos,
coma pombas arrolamos.
Esperamos a xustiza e non a hai,
esperamos a moralidade
e afastouse de nós.
12Si, multiplicamos diante de ti
as nosas rebeldías, e os nosos pecados
que testemuñan contra nós,
porque as nosas rebeldías están connosco
e as nosas iniquidades coñecémolas:
13Rebelarse, renegar do Señor,
retirarnos de seguir ao noso Deus,
falar da opresión e da apostasía,
estar preñado de maldade
e rosmar no corazón palabras mentireiras.
14A xustiza foi rexeitada para atrás,
e a moralidade está de pé lonxe,
pois a xustiza tropezou na praza
e a rectitude non é capaz de entrar,
15e a fidelidade está faltando
e o que se retira da maldade
está sendo saqueado.
O Señor viuno e pareceulle mal
que non houbese xustiza.
16Viu que non había ningún,
e admirouse de que ninguén intercedese,
pero foi o brazo do Señor quen o salvou,
e a súa xustiza foi quen o asistiu,
17pois revestiuse de xustiza
ao xeito de coiraza
e a salvación foi o casco da súa cabeza;
puxo de vestido as roupas da vinganza
e cubriuse de celo como mantón.
18Segundo a débeda dos feitos,
así impoñerei o castigo pola débeda:
noxo para os seus adversarios,
represalias para os seus inimigos,
as nacións costeiras
castigaraas coa represalia.
19Desde o occidente respectarán
o Nome do Señor,
e desde o nacente do sol a súa gloria,
pois virá como río apertado,
que dirixe o Espírito do Señor.
20Virá para rescatar Sión,
e mais os de Xacob que se convertan
da súa rebeldía –oráculo do Señor–.
21Olládeme aquí:
esta é a miña Alianza convosco
–fala o Señor–:
o meu Espírito está sobre ti,
e as miñas palabras,
que roxen na túa boca,
non desaparecerán da túa boca
nin da boca da túa descendencia
nin da boca da descendencia
da túa descendencia,
desde agora e para sempre
–fala o Señor–.

**59**, 9 *Moralidade*: lit. “xustiza”.
**59**, 10 A escuridade equivale ao mundo dos mortos, onde os vivos tropezan facilmente con eles.
**59**, 13 Algúns autores suprimen “estar preñado de maldade”, pero de feito esta expresión compensa as expresións da primeira parte do v.
**59**, 15 *Pareceulle mal*: lit. “foi mal aos seus ollos”.
**59**, 16 *O brazo do Señor*: o poder salvífico de Deus que librará ao pobo do caos moral e humano no que se atopa durante o tempo posterior ao exilio.

### A glorificación escatolóxica de Xerusalén

**60** [1]Levántate, brilla,
que a túa luz xa chegou;
si, a gloria do Señor resplandece sobre ti.
[2]Pois, olla, a escuridade encobre a terra
e a negrura os pobos,
pero sobre ti resplandece o Señor
e a súa gloria faise ver sobre ti.
[3]Certo que os pobos
camiñarán coa túa luz
e os reis co resplandor do teu alborexar.
[4]Levanta os teus ollos arredor,
todos estes xuntáronse, viñeron a ti.
Os teus fillos veñen de lonxe
e as túas fillas son traídas no colo.
[5]Entón, cando o vexas,
estarás radiante
e o teu corazón latexará e ensanchará,
pois as riquezas do mar traeranche a ti
e os bens dos pobos virán para ti.
[6]Estarás cuberta dunha chea de camelos,
de dromedarios novos
de Madián e de Efah.
Todos eles virán de Sabá.
Virán cargados de ouro e incenso,
e proclamarán ledos a loanza do Señor.
[7]Todos os rabaños de Quedar
xuntaranse en ti,
os castróns de Nebaiot
estarán ao teu servizo,
subirán ao meu altar por amor,
e eu glorificarei o meu prezado templo.
[8]Quen son estes que voan
como unha nube,
si, coma pombas cara aos seus pombais?
[9]Certamente, xuntaranse onda min
as nacións costeiras
e os barcos de Tárxix estarán á cabeza,
para traeren de lonxe os teus fillos,
(e) a súa prata e o seu ouro con eles,
para o Nome do Señor, o teu Deus,
e para o Santo de Israel,
que en verdade te enche de gloria.
[10]Os fillos do estranxeiro
reconstruirán as túas murallas,
e os seus reis estarán ao teu servizo,
pois pola miña ira castigueite,
pero polo meu amor
tiven compaixón de ti.
[11]As túas portas estarán sempre abertas,
non se pecharán nin de día nin de noite,
para que che traian
as riquezas dos pobos,
traídas polos seus reis.
[12]Porque o pobo e o reino
que non te sirvan a ti perecerán,
e os pobos serán totalmente arrasados.
[13]A riqueza do Líbano virá a ti,
o ciprés, o amieiro e o buxo xuntos,
para adornar o lugar do meu santuario,
o lugar onde eu piso cos meus pés.
[14]Virán prostrarse ante ti os fillos
dos que te oprimiron,
e prostraranse ante a planta dos teus pés
todos os que te desprezaron,
e chamaranche "Cidade do Señor",
"Sión do Santo de Israel".
[15]En vez de estares abandonado, aborrecido,
e sen xente que por ti pase,
convertereite en esplendor eterno,

**60**, 1-22 Este c. constitúe unha unidade en seis estrofas, organizadas deste xeito: a) vv. 1-4: esta introdución temática organiza os temas que van seguir, arredor dos da luz e da gloria de Deus: luz de Xerusalén, que aluma e atrae os pobos e os fillos e fillas de Xerusalén; b) vv. 5-7: os pobos xuntan as súas riquezas en Xerusalén, para loar o Señor no seu templo; c) vv. 8-9: os fillos de Xerusalén van devotos, cargados de ouro, ao templo, para glorificar a Xerusalén ; d) vv. 10-14: son unha ampliación da estrofa dos vv. 5-7, en contraste coa dos vv. 8-9, pois estranxeiros reconstruirán as murallas e estarán ao servizo da cidade, a onde traerán día e noite as súas riquezas para adornar o santuario e glorificar a Xerusalén; e) os vv. 15-18 deixan o xénero hímnico para converterse nun oráculo sen encabezamento, no que Deus proclama a súa transformación glorificadora de Sión; f) os vv. 19-22 constitúen o remate, que fai inclusión coa primeira estrofa, desenvolvendo o tema da luz, cualificándoa de eterna e identificándoa con Deus, a quen se lle chama Sol e Lúa, expresando no oráculo dos vv. 21-22, en linguaxe directa, o que a imaxe da luz quere dicir.

**60**, 2 A escuridade é a situación calamitosa xurdida dunha oposición do pobo a Deus e á súa vontade.

**60**, 3 Nótese neste v. e nos seguintes a contraposición literaria de "os pobos" e "ti, teu, túa" referido a Xerusalén, que acabará na imaxe materna de aleitar a pobos e reis (v. 16).

**60**, 4 A glorificación de Xerusalén inclúe a volta dos deportados xudeus e israelitas; este v. anticipa as estrofas dos vv. 8-9, 15-18, e, en especial, os vv. 18-22.

**60**, 5 O latexar e ensancharse do corazón quere expresar os novos plans que se farán en Xerusalén, e que deixarán marabillados a todos, pola súa maxestade.

**60**, 6 *Madián* (heb. "Midián") atopábase ao nacente do golfo de Aqaba e eran tribos de arrieiros (Xuí **6**, 1-6); *Efah* era un clan emparentado cos madianitas (Xén **25**, 4); *Sabá* era un clan do Sur de Arabia (1 Re **10**; Sal **72**, 10-15). *Proclaman ledos*: anuncian a vitoria (cf **52**, 7 e nota).

**60**, 7 *Quedar*: tribo de árabes nómades (cf **21**, 16-17; **42**, 11). *Nebaiot*: aparece sempre en relación cos fillos de Ismael (árabes); de alí, con *Quedar* (Xén **25**, 13), quizais sexan os devanceiros dos Nabateos.

**60**, 13 *A riqueza*: o termo hebreo "kabod" ten tamén a acepción de "riqueza", e o contexto pide aquí este sentido.

**60**, 14 Os nomes de Xerusalén non soamente queren expresar a pertenza da cidade a Iavé, senón tamén a idea de que a súa renovación é obra de Deus.

**60**, 15 O oráculo introduce a novidade do carácter eterno da restauración de Xerusalén.

en causa de gozo
por xeracións e xeracións.
16Mamarás o leite dos pobos
e do peito dos reis mamarás,
entón recoñecerás que eu son o Señor,
o teu Salvador,
si, o teu Redentor, o Forte de Xacob.
17En vez de bronce traereiche ouro;
e en vez de ferro traereiche prata;
en vez de madeira, bronce;
e en vez de pedras, ferro.
Converterei a Paz no teu inspector
e a Xustiza no teu rexedor.
18Non se volverá a oír falar
de violencia no teu país,
nin de saqueo e de arraso
dentro dos teus confíns.
"Salvación" será o nome dos teus muros
e o das túas portas "Loanza".
19Non che volverá a servir o sol
de luz durante o día,
nin te alumará o resplandor da lúa,
senón que o Señor será a túa luz eterna
e o teu Deus será a túa luminosa gloria.
20Non se volverá a por o teu Sol
e a túa Lúa non desaparecerá.
Si, o Señor será a túa luz eterna
e acabaranse os días do teu loito.
21Todos os do teu pobo serán xustos
e posuirán a terra eternamente,
(serás) abrocho dos seus plantíos,
obra das súas mans
para que se mostre a súa gloria.
22O máis pequeno volverase un millar,
e o máis miúdo, un pobo poderoso.
Eu, Iavé, dareime présa
para realizalo ao seu tempo.

**O profeta anuncia a restauración e a salvación universal**

**61** 1O Espírito do Señor, Iavé,
está sobre min,
porque o Señor me unxiu.
Mándame anunciar
a boa nova aos pobres,
curar os de corazón esnaquizado,
proclamarlles aos cativos a liberdade
e aos presos que abran os ollos,
2para proclamar un ano de graza do Señor
e o día do rescate do noso Deus,
para consolar os entristecidos,
3para agasallar os tristes por Sión,
para darlles xoias en vez de po,
perfume de ledicia en vez de loito,
vestido de festa
en vez de espírito amoucado.
Chamaráselles terebintos da lexitimidade,
plantío do Señor para mostrar a súa gloria.
4Reconstruirán as ruínas antigas
e levantarán os entullos doutro tempo,
renovarán cidades en ruínas,
entullos de xeracións e xeracións.
5Presentaranse estranxeiros
e pastorearán os vosos rabaños
e os fillos do estranxeiro serán
os vosos xornaleiros e viñateiros.
6Pero vós seredes chamados
sacerdotes do Señor,
dirásevos servidores do noso Deus.
Comeredes os bens dos pobos
e coas súas riquezas fortalecerédesvos.
7A cidade nova está amedrentada
pola vosa vergonza,
e o conxunto deles refúxiase na aldraxe.
(Pero) certo que a cidade nova

**60**, 16 *O leite* e *o peito* dos reis queren expresar o precioso sustento de Xerusalén, traído polos pagáns. O título *Redentor* quere expresar a obriga do "goelato" (levirato) que Deus contraeu na alianza co seu pobo e con Xerusalén.
**60**, 17 *A Paz* e *a Xustiza* son personificacións literarias da fartura e da salvación ou poder xustificador de Deus.
**60**, 20 *Sol* e *Lúa* son nomes divinos que condensan a imaxe da gloria-luz da revelación salvífica de Deus.
**60**, 21 Traducimos *terra*, por mor de Mt **5**, 4, aínda que o sentido é de "país".
**61**, 1-11 Este c. está construído en forma de quiasmo arredor do tema central do universalismo salvífico, orientado ao culto a Iavé: os seus sacerdotes serán os xudeus (vv. 5-6); o tema da reconstrución da cidade (v. 4); os vv. 7-9 son consecuencia da concentración de riquezas na cidade sagrada de Xerusalén; a referencia profético-vocacional ao Espírito e á mensaxe salvífica dos vv. 1-3 serve de introdución; para acabar coa reacción lediciosa do mesmo profeta (vv. 10-11).
**61**, 1 *O Espírito de Iavé* é o dinamismo salvífico que consagra (lit. "unxe") ao profeta e o converte en instrumento do feito liberador e restaurador.
*Curar*: lit. "vendar", reparar os plans e proxectos esnaquizados. Abrir os ollos aos presos ou cativos, pois estes viven na tebra (cf **42**, 7).
**61**, 2 O *ano de graza* debe referirse ao ano sabático (cf Lev **25**, 1ss; Dt **15**, 1ss), co que se resolverían boa parte das irregularidades económicas e sociais para os repatriados.
**61**, 5 O universalismo salvífico supón a integración na relixiosidade e no culto xudeu de poboacións pagás edomitas e moabitas, que ocuparon Xudea durante o exilio.
**61**, 7 *A cidade nova*, que aparece en 2 Re **22**, 14; 2 Cro **34**, 22, refírese á zona onde vivían os que regresaran do desterro, desposuídos dos seus bens por culpa do egoísmo dos que quedaron. A estes conflitos responde o profeta con promesas salvíficas (v. 7b) e cun oráculo (vv. 8-9), no que Deus di que vela polo cumprimento da xustiza para os descendentes dos deportados, e que estes dereitos serán recoñecidos polos persas (as nacións), ao mesmo tempo que se lle promete ao pobo a alianza eterna, que supere estas diferenzas.

posuirá a súa terra,
e haberá para eles ledicia perpetua.
[8]Pois eu son o Señor, que amo a xustiza,
(e) aborrezo o roubo malvado:
Si, eu dareilles
a súa recompensa lealmente
e pactarei con eles unha alianza eterna.
[9]Será recoñecida entre os pobos
a descendencia deles
e os seus xermolos
no medio das nacións.
Todos os que os vexan recoñeceranos,
pois eles son a descendencia
que o Señor bendiciu.
[10]Exultarei ledo polo Señor,
e a miña alma brincará de xúbilo
polo meu Deus,
xa que me fixo vestir roupas da salvación
e envolveume co manto da xustiza,
coma o noivo que veste
solemnemente o turbante,
e coma a noiva que se adorna
coas súas xoias.
[11]Pois, como a terra
fai saír os seus gromos,
e como un horto
fai brotar as súas sementeiras,
así o Señor Iavé fará brotar a xustiza,
e a loanza ante todos os pobos.

**Canto ao restablecemento da alianza de Deus con Sión**

**62** [1]Por Sión non quedarei en silencio,
e por Xerusalén non ficarei quedo,
ata que a súa xustiza
saia coma un resplandor
e a súa salvación alume
coma unha lámpada.
[2]Os pobos verán a túa xustiza
e todos os reis a túa gloria,
chamaráseche cun nome novo,
o que indique a boca do Señor.
[3]Serás coroa preciosa na man do Señor
e turbante rexio na palma da man
do teu Deus.
[4]Non se che volverá chamar
"Abandonada",
nin á túa cidade se lle volverá dicir
"Ruína",
senón que a ti se che chamará
"Ti es o meu amor"
e á túa cidade se lle chamará "A casada".
Si, o amor do Señor estará en ti,
e a túa cidade casará.
[5]Como casa un mozo cunha virxe,
así casará contigo o teu Construtor.
O gozo que sente o noivo pola noiva,
sentirao o teu Deus por ti.
[6]Sobre as túas murallas, Xerusalén,
fixen poñer vixiantes,
que durante todo o día
e durante toda a noite,
non estarán calados un momento,
son os que fan que o Señor se lembre,
e non descansan no voso favor.
[7]Si, non o deixaredes descansar
ata que cree,
si, ata que converta a Xerusalén
na loanza do mundo.
[8]O Señor xurou pola súa destra
e polo seu poderoso brazo:
Certo que os fillos do estranxeiro
non beberán o teu viño novo
polo que ti te fatigaches,
[9]senón que os que colecten o gran
comerano e loarán o Señor,
e os que vendimen beberán o viño
nos adros do meu santuario.
[10]Cruzade e cruzade polas portas,
achanzade o camiño da cidade,

**61**, 10-11 Este cantar do profeta é un cantar á alianza eterna, expresada nas imaxes do noivo e da noiva, e da que Deus fai xurdir a xustiza entre os repatriados e os que non saíron do país.

**62**, 1-13 Este cantar constitúe unha unidade, como o deixa ver a inclusión dos títulos de Xerusalén dos vv. 3. 4. 12, que se refiren á alianza matrimonial de Deus coa cidade. Esta unidade está constituída por catro estrofas desiguais: a primeira (vv. 1-5) é un cantar de esperanza polo restablecemento da alianza matrimonial; a segunda (vv. 6-7) refírese aos vixiantes-orantes que decotío suplican a chegada da acción creadora e transformadora de Deus respecto a Xerusalén, acción na que se mostrará a efectividade da alianza. Esta súplica dos vixiantes prepara a resposta do oráculo dos vv. 8-9, que constitúen o centro do poema e que se refiren á especialísima protección de Deus sobre Xerusalén, que resulta ser a expresión visible da alianza. A estrofa final (vv. 10-12) é unha invitación a preparar esta vinda do Señor, que está a chegar.

**62**, 1 *A xustiza*, en paralelo coa salvación, é a xustiza salvífica ou a acción xustificante de Deus, como en Rm **1**, 17; **3**, 22. As imaxes literarias do resplandor e da lámpada que aluma, refírense á acción liberadora e salvífica da acción divina.

**62**, 3 A Xerusalén renovada despois das dificultades da volta do desterro será a expresión externa da realeza de Iavé (coroa e turbante rexio) sobre o pobo e o mundo.

**62**, 4 *Ti es o meu amor*: lit. "o meu amor está en ti".

**62**, 5 *Como casa*: seguimos a lectura de Qumrân, coincidente coa dos LXX, cos targums e coas traducións siríacas.

**62**, 6 *Non descansan*: os vixiantes aquí son orantes que lle lembran constantemente a Deus as súas promesas salvíficas.

**62**, 7 A nova situación (*nome novo*: v. 2) esixe unha acción creadora de Deus.

**62**, 10 *Cidade*: o termo "am" ten aquí o sentido de cidade, e non de pobo ou exército.

amontoade, amontoade terra
para o camiño, lousádeo con laxes,
erguede a bandeira para os pobos:
[11]Velaí o Señor que se fai oír
ata o cabo do mundo.
Dicídelle á filla de Sión:
Velaí chega o teu Salvador.
Velaí a súa paga con El,
e a súa recompensa diante del.
[12]Entón chamaráselles: "Pobo santo",
"Os redimidos do Señor",
e a ti chamaráseche "Buscada",
"Cidade non abandonada".

## APOCALIPSE FINAL

### Castigo dos pobos pagáns, tipificados en Edom

**63** [1]Quen é este que chega de Edom,
de Bosrah, con vestidos tinxidos
de vermello?
Quen é este que está adornado
cos seus vestidos,
cangado co peso do seu moito poder?
Eu, que falo da xustiza,
que son Señor para salvar.
[2]Por que está vermella a túa roupa
e os teus vestidos
coma os do que pisa no lagar?
[3]Eu só pisei na pía
e non houbo do meu pobo
quen estivese comigo.
Si, piseinos coa miña ira
e esmagueinos coa miña furia.
E o zume deles salpicou as miñas roupas
e lixou todos os meus vestidos.
[4]Velaí o día da vinganza:
está no meu corazón
e o ano do meu desquite xa chegou.
[5]Si, mirei con atención
e non houbo quen axudase,
asombreime
de que non houbese quen apoiase,
pero o meu brazo salvoume,
a miña furia foi a que me apoiou.
[6]Esmaguei os pobos coa miña ira,
e emborracheinos coa miña furia,
fixen baixar á terra o seu propio zume.

### Grande súplica a Deus Pai pola restauración de Xudá

[7]Voume lembrar dos favores do Señor,
das loanzas do Señor:
Velaí toda a débeda
que nos pagou o Señor,
si, un montón de bens
para a casa de Xacob,
que El nos concedeu
segundo a súa misericordia,
segundo a abundancia dos seus favores.

**62**, 11 : lit. "salvación": emprego do abstracto polo concreto.
A paga e a recompensa son o premio de Deus á fidelidade cos fillos dos deportados.
**63** Esta parte final é unha apocalipse composta destes elementos: a) xuízo das nacións inimigas, tipificadas en Edom (**63**, 1-6); b) seguido dunha oración (**63**, 7-**64**, 11); e c) acabado por tres seccións paralelas: I) **65**, 1-25; II) **66**, 1-14; III) **66**, 15-24, integradas por acusacións e anuncios de castigo a un grupo do pobo (os idólatras e infieis a Deus), e promesas salvíficas para os xustos (que gozarán do mundo novo e das glorias de Xerusalén). As nacións pagás, que comezan sendo castigadas na apocalipse (en **63**, 1-6), integraranse no culto a Iavé e nos goces da Xerusalén gloriosa e no mundo novo (**66**, 18-21).
**63**, 1-6 Esta unidade a modo de diálogo é un comentario ou celebración apocalíptica aos cc. **60**-**62**, pois a salvación de Xerusalén ha de pasar pola humillación e o castigo dos pobos inimigos, dos que Edom é o prototipo, debido á súa colaboración cos caldeos na caída de Xerusalén e a subseguinte ocupación do Sur de Xudea. O texto organízase na forma dun diálogo de revelación (o que supón unha visión profético-apocalíptica) entre Deus e o profeta, no que Deus se presenta como o que fai xustiza castigando a Edom, coa imaxe literaria de guerreiro que pisa con ira os seus inimigos como o vendimador pisa as uvas no lagar.
**63**, 1 *Cangado*: lit. "inclinándose co peso do seu moito poder". Os LXX leron "andando".
**63**, 6 *Emborracheinos*: algúns manuscritos hebreos leron "piseinos"; pero esta lectura facilitadora non está avalada polas traducións antigas nin polos escritos de Qumrân. A borracheira é expresión de confusión creada polo castigo.
**63**, 7-**64**, 11 Nesta longa unidade atopamos unha serie de elementos diferentes, aos que dá sentido o v. introdutorio (**63**, 7), coa invitación a escoitar as loanzas de Deus, polas liberacións do Éxodo e do exilio e ás que se xuntan a súplica feita durante o exilio (**63**, 15-**64**, 2a) e, como elemento culminante, a súplica pola total restauración do pobo (**64**, 8-11).
Trala introdución de **63**, 7 segue a loanza a Deus pola elección gratuíta do pobo e a constante axuda liberadora nas épocas pasadas, que inclúe a época patriarcal e o Éxodo (**63**, 8-9). O v. **63**, 10 é un contraste de rebeldía e pecado do pobo, co seu correspondente castigo que se refire ao exilio en Babilonia, do que sae o pobo pola lembranza (= fe) das obras salvíficas do Éxodo (**63**, 11-14). Como exemplificación desta lembranza-fe, introduce o autor unha súplica ao estilo da súplica da lamentación colectiva (**63**, 15-64, 2a), do mesmo xeito que na acción de grazas individual tamén se repetía a súplica da lamentación individual precedente. Os vv. **64**, 2b-4a, describen a baixada salvífica de Deus en linguaxe teofánica e o seu encontro cun pobo fiel, que espera a salvación, preparando deste xeito os contrastes (vv. **64**, 4b-7), do que foran durante o pre-exilio e o exilio, e o que son agora, despois da intervención de Deus. A unidade **64**, 8-11 conclúe coa súplica final pola restauración de Xudá.

8 El dixo: Si, son o meu pobo,
os fillos que non traizoan,
e convertéuselles no seu Salvador
9 en calquera angustia.
Non houbo mensaxeiro nin enviado:
a súa presenza salvounos:
polo seu amor
e a súa compaixón redimiunos,
si, levantounos e levounos enriba de si
en todas as épocas pasadas.
10 Pero eles rebeláronse
e entristeceron o seu Espírito Santo,
que se volveu inimigo deles,
facéndolles a guerra.
11 Pero o seu pobo lembrouse
das épocas pasadas, de Moisés.
Onde está o que os fixo subir do mar
xunto co pastor do seu rabaño?
Onde está o que puxo no seu interior
o Santo Espírito?
12 O que fixo avanzar o seu glorioso brazo
por medio da destra de Moisés,
o que partiu as augas diante deles,
construíndose para si un renome eterno.
13 O que os fixo camiñar polos abismos,
coma cabalos polo deserto, sen tropezar.
14 Como baixa o gando para o val,
así o Espírito do Señor
nos fixo descansar.
Así, conduciches o teu pobo,
construíndote para ti
un renome glorioso.
15 Olla atentamente desde o ceo e mira
desde a túa santa e gloriosa morada.
Onde está o teu poderoso celo,
o conmoverse das túas entrañas?
Onde está a túa compaixón, meu Deus,
que se viu coaccionada?
16 Pois ti es o noso Pai.
Certamente Abraham non nos recoñece,
nin Israel nos entende,
(pero) ti, Señor, es o noso Pai,
o "noso Redentor"
é desde sempre o teu Nome.
17 Por que, Señor, nos deixaches extraviar
lonxe dos teus vieiros,
e fixeches endurecer o noso corazón
apartándose do teu respecto?
Cambia de actitude por amor
dos teus servos,
por amor das tribos da túa herdanza!
18 Por que unha banda de mozos
se apoderou da cidade do teu santuario?
Por que os nosos opresores
esmagaron o teu santuario?
19 Fomos desde hai tempo
xente na que ti non mandaches,
(e) sobre os que non se invocou
o teu nome.
Ai, se rachases o ceo (e) baixases!
Coa túa presenza rebulirían os montes,

**64** 1 O mesmo que se lle prende
lume á bouza
e o lume fai burbullar a auga,
para lles facer coñecer o teu nome
aos teus inimigos,
para que estremezan
os pobos coa túa presenza,
2 ao faceres cousas temibles
que non esperamos.
Baixaches, (e) coa túa presenza
tremeron os montes:
3 unha cousa que desde antigo
nunca se oíra,
(pero) certo que se nos fixo escoitar:
O ollo non viu fóra de ti ningún deus,
que tal lle faga a quen espera nel.
4 Atopácheste co que se alegraba
e practicara a xustiza,
cos que se lembraban de ti nos teus vieiros.
Velaí: estabas anoxado porque pecaramos,
(pero) estaremos sempre nos teus vieiros
e salvarémonos.
5 Todos nós fomos coma un impuro,
e toda a nosa xustiza
como a roupa da menstruante.
Todos nós murchamos coma a folla,
e as nosas iniquidades leváronnos

**63**, 8 A relación entre Deus e o seu pobo nesta unidade literaria, exprésase en termos de paternidade e filiación (cf **63**, 16; **64**, 7), unha paternidade protectora e salvífica.
**63**, 9 *Mensaxeiro*: lemos o hebreo "sir" (mensaxeiro), e non "sar "(angustia).
**63**, 10 Aquí o Espírito Santo de Iavé é o poder protector e salvífico de Deus como Pai do pobo da Alianza.
**63**, 11 Nótese o sentido da expresión de fe que contén o verbo "lembrar", coma no evanxeo de S. Xoán, o mesmo ca as relacións do Espírito Santo de Iavé e as actitudes de fe do pobo.
**63**, 12 O brazo glorioso equivale ao poder salvífico.
**63**, 14 O camiñar polo deserto cara á alianza do Sinaí é un camiñar cara ao descanso do pobo no compromiso que Deus contrae con el.
**63**, 15 O autor considera a presenza de Deus no ceo, non no santuario como en **66**, 1, elemento característico da apocalíptica. *Poderoso celo*: lit. "o teu celo e a túa heroicidade" (= poder).
**63**, 16 As referencias a Abraham e a Israel (Xacob) remiten ás expresións dos vv. 8-9.
**63**, 19 A intervención de Deus que se pide na oración exprésase en termos teofánicos.
**64**, 3 Lemos "la" (= certo), en vez de "lo" (= non), pois a negación aquí non ten sentido, e si, en troques, o paralelismo antitético que ofrecemos.

coma o vento.
[6]Non había quen invocase o teu nome,
quen espertase para acollerse a ti,
porque ti escondíchesnos a túa cara,
e alagáchesnos co lote das nosas culpas.
[7]Pero agora, Señor, ti es o noso Pai.
Nós somos o barro e ti es o oleiro,
pois obra das túas mans somos todos nós.
[8]Señor, non te anoxes aínda máis,
non te lembres para sempre da iniquidade.
Olla, fíxate ben: nós somos o teu pobo.
[9]As túas santas vilas
están feitas un deserto,
Sión quedou feita un deserto,
Xerusalén unha desolación.
[10]O noso santo e glorioso templo,
onde te adoraron os nosos pais,
volveuse unha fornalleira de lume,
e todas as nosas cousas apreciadas
resultaron unha ruína.
[11]Ante estas cousas
vaste seguir contendo, Señor,
seguir calado e oprimirnos aínda máis?

**Resposta do oráculo á oración: acusación e anuncio xeral de castigo**

**65** [1]Eu deixei que me buscasen
os que non me consultaban,
(e) deixei que me atopasen
os que non me procuraban.
Díxenlle a unha nación
que non se chamaba co meu nome:
"Aquí estou!, aquí estou!".
[2]Boteille unha man todo o tempo
a un pobo rebelde,
aos que camiñaban por un vieiro non bo,
seguindo os seus propios plans,
[3]o pobo que me provocaba
continuamente ante a miña presenza,
ofrecendo sacrificios nos xardíns
e queimando incenso sobre os ladrillos;
[4]viven nas sepulturas
e pasan a noite nas covas,
comen carne de porco
e talladas de carnes abominables
nos seus pratos.
[5]Din: "Arreda, non me toques,
que te podería consagrar".
Estas cousas son fume no meu nariz,
lume que arde todo o tempo.
[6]Velaí: isto está escrito na miña presenza.
Non podo calar,
senón que lles teño que botar a paga
na aba do seu manto,
[7]as súas abominacións
e as abominacións dos seus pais,
todo xunto –fala o Señor,–
porque queimaron incenso
no cume dos montes
e aldraxáronme nos outeiros.
Si, botareilles na aba do manto
a paga do seu pasado.

**Quedará un resto, portador das bendicións**

[8]Así fala o Señor:
O mesmo que se atopa mosto no acio,
e se di: "Non o derrames,
que hai bendición dentro del",
así farei cos meus servos:
non os destruirei a todos.
[9]Farei saír de Xacob descendencia
e de Xudá (farei saír)
o herdeiro dos meus montes:
os meus elixidos herdarán isto
e os meus servos morarán alí.
[10]O Sarón será o pasteiro do rabaño,
e o val de Acor será o curral do gando,
para o meu pobo, que me buscou.
[11]Pero vós sodes
os que abandonades o Señor,
os que vos esquecedes
do monte do meu santuario,

**64**, 7 *Obra das túas mans*: non se refire á acción creacional, senón á restauración do pobo no post-exilio e na escatoloxía.
**65**, 1-**66**, 24 Estes tres despregues apocalípticos (cf nota a **63**) teñen unha estrutura paralela: anuncio de castigo pola idolatría do pobo "xudeu", pero oráculos salvíficos para os xustos do mesmo pobo, para acabar coas glorias dos xustos no mundo novo ou nas bendicións da Xerusalén renovada pola acción de Deus. Esta apocalíptica aínda ten unhas dimensións intra-terreas e, non obstante a consideración da presenza de Deus no templo celeste (**65**, 1; **66**, 1), non esquece a presenza de Deus no templo de Xerusalén (**66**, 20), do que algúns pagáns serán sacerdotes.
**65**, 1 A busca e o encontro do Señor refírese á oración anterior pola reconstrución do templo e a Xudá (**64**, 9-10). Non obstante a especial axuda de Deus ao pobo, non se chama co nome de Iavé, pois practica cultos idolátricos non iavistas.
**65**, 2 *Vieiro*, plans, son a orde moral e cúltica.
**65**, 4 A referencia ás sepulturas e covas ten a finalidade de expresar a impureza ritual do pobo.
**65**, 6 *Aba*: lit. "seo". Refírese á parte dianteira do manto do hebreo, na que se levaban tamén cousas. Aquí a aba é onde o pagán leva o seu merecido.
**65**, 8-15 Esta sección está composta de dúas unidades: a) un oráculo de salvación para os servos e elixidos, portadores da herdanza do Señor, non obstante o castigo do que se falou nos vv. 6-7 (vv. 8-10); e b) un oráculo de xuízo condenatorio, dirixido a un "vós" (o pobo de Xudá), que se distingue das bendicións dos servos do Señor (vv. 11-15).
**65**, 11 Estas divindades: *Gad* = "Sorte" (Xén **30**, 11) e *Mení* = "Repartición" da Sorte, eran veneradas en Canaán, de onde pasaron a nomes de persoas ou xeográficos. Equivalen á deusa Fortuna ou Sorte.

os que preparades a mesa
para (ir a) Gad,
os que enchedes a bota
de viño mesturado para (ir a) Menní.
[12]Pois eu destínovos para a espada
e todos vós caeredes na matanza,
porque eu clamei e vós non respondestes,
eu falei e vós non fixestes caso,
senón que fixestes o mal aos meus ollos
e escollestes o que non me gustaba.
[13]Por isto, así fala o Señor Iavé:
Velaí os meus servos:
eles comerán e vós pasaredes fame.
Velaí os meus servos:
eles beberán e vós pasaredes sede.
Velaí os meus servos:
eles alegraranse e vós avergonzarédesvos.
[14]Velaí os meus servos:
eles exultarán con corazón ledo,
e vós clamaredes con corazón triste
e con espírito esnaquizado
lamentarédesvos.
[15]Deixarédeslles o voso nome
aos meus elixidos para un xuramento:
"Que o Señor Iavé te faga morrer!",
e chamarán aos meus servos
cun nome diferente.

**A gloria dos benaventurados no mais aló**

[16]O que queira ser bendito
coa felicidade na terra,
ha de ser bendito polo Deus Fiel.
E o que queira facer
un xuramento na terra,
ha de xurar polo Deus Leal.
Si, que se esquezan das aflicións pasadas,
e certamente estarán escondidas
da miña percepción.
[17]Pois velaí: eu creo ceos novos
e terra nova,
e non serán lembradas as cousas vellas,
nin pasarán á consideración de ninguén,
[18]senón que: exultade e brincade
de ledicia para sempre,
coa felicidade que eu creo,
pois eu creo Xerusalén:
"A Exultación";
e o seu pobo: "A Ledicia".
[19]E eu brincarei de ledicia por Xerusalén,
e exultarei pola miña cidade,
e non se volverá a oír nela
ruído de choros nin ruído de berros.
[20]Non volverá nacer nela
meniño falto de días
nin vello que non os cumpra de cheo,
senón que o que morra aos cen anos
será un rapaz,
e o que non chegue a cen anos
será un maldito.
[21]Construirán casas e habitaranas
e plantarán viñas
e comerán os seus froitos.
[22]Non construirán para que outro habite,
nin plantarán para que outro coma,
senón que os días do meu pobo
serán coma os días dunha árbore,
e os meus elixidos
gozarán da obra das súas mans.
[23]Non se fatigarán en van,
nin darán a luz para calamidade,
pois eles son a raza
dos benditos do Señor,
e os seus descendentes serán coma eles.
[24]Aínda antes de que chamen,
eu respondereilles;
mentres eles volven falar,
eu xa lles farei caso.
[25]O lobo e o año pacerán xuntos,
e o león comerá palla coma o boi,
pero a serpe terá de comida o po.
Non farán mal
nin provocarán matanza
en todo o meu santo monte
–dío o Señor.

**Deus olla desde o seu trono para os que contan con El**

**66** [1]Así fala o Señor:
O ceo é o meu trono e a terra
é o estrado dos meus pés.
Cal é a casa que me ides construír?
Cal é o lugar do meu descanso?
[2]Si, todas estas cousas
fíxoas a miña man.
Aí están todas elas!
–é o Señor quen fala–.

**65**, 16-25 Esta sección é un comentario escatolóxico-apocalíptico ás bendicións que Deus dará aos seus servos nun mundo novo e na Xerusalén dos últimos tempos. Esta apocalíptica aínda non pode concibir a escatoloxía espiritual anímica, estraña á tradición hebrea.
**65**, 16 *Fiel*, *leal*: lit. "Amén", é aquí un título divino que se refire ao cumprimento das promesas, realizado por Deus (cf o comentario cristolóxico que fai 2 Cor **1**, 18ss).
**65**, 17 *Ceos e terra* é un merismo para significar a totalidade. O adxectivo novos indica unha calidade excelente, non un dato temporal.
**66**, 1-2 O texto supón que o templo aínda non está reconstruído (anos 537-520); e, ademais, mantense fiel á teoloxía do pobre, entendido como a persoa que respecta ao máximo as palabras do Señor, o que foi característico do II Is. Estes pobres son os servos elixidos, do primeiro despregue apocalíptico.
**66**, 2 *Estas cousas* refírense aos sacrificios que se seguiron realizando nas ruínas do templo.

Pero hei de ollar por este, polo pobre,
polo abatido de espírito
e que treme ante as miñas palabras.

**Xuízo de castigo contra os idólatras**

[3]Sacrifícase un touro
e tamén se mata a un home,
sacrifícase un año
e tamén se descroca un can.
Preséntase en ofrenda o sangue de porco,
faise unha lembranza con incenso
e tamén se bendí un ídolo.
Certo que eles escolleron os seus vieiros,
e o seu gusto compraceuse
nas abominacións.
[4]Certo que eu escollerei
os malos tratos para eles,
e traereilles terrores,
porque chamei e ninguén respondeu,
falei e non fixeron caso,
senón que fixeron o mal aos meus ollos,
e escolleron o que non me gusta.

**Sión da a luz un pobo nun só día**

[5]Escoitade a palabra do Señor,
os que tremedes coa súa palabra.
Os vosos irmáns que vos aborrecen
e que vos rexeitan
por causa do meu nome, dixeron:
"Que o Señor mostre a súa gloria
para que vexamos a vosa ledicia".
Pero eles quedarán avergonzados.
[6]Berros de tumulto saen da cidade,
berros saen do templo.
Berros! O Señor estalles pagando
a débeda aos seus inimigos.
[7]Antes de se retorcer de dor, deu a luz,
antes de que lle chegasen
as dores do parto, deu a luz un home.
[8]Quen oíu cousa coma esta?
Quen viu cousas coma estas?
Párese unha cidade nun só día?
Dáse a luz un pobo dunha soa vez?
Sión, si que estivo de parto,
certo que deu a luz os seus fillos!
[9]Vou eu facer abrir a matriz
e non vou facer que paira?
–fala o Señor–.
Eu, o que fai parir, vou pechar a matriz?
–fala o teu Deus.

**As glorias e bendicións de Xerusalén**

[10]Alegrádevos con Xerusalén,
e brincade de ledicia por ela,
todos os que a amades.
Exultade con xúbilo con ela
todos os que vos enloitastes
por causa dela,
[11]porque mamaredes
e fartarédesvos do peito
das súas consolacións,
porque zugaredes e gozaredes
do seo da súa riqueza.
[12]Porque así fala o Señor:
Ollade que eu estendo ata ela
a fartura coma un río,
si, coma un río desbordado
a riqueza das nacións.
Vós mamaredes, no colo seredes levados,
sobre os xeonllos seredes aloumiñados.
[13]Coma un neno,
a quen súa nai consola,
así vos consolarei eu.
Si, en Xerusalén seredes consolados.
[14]Entón veredes que se alegra
o voso corazón
e que os vosos ósos
florecen coma un campo.
A man do Señor
daráselles a coñecer aos seus servos
e a carraxe do Señor
daráselles a coñecer aos seus inimigos.

**O castigo divino para os idólatras**

[15]Pois velaí o Señor, chega coma o lume,
e os seus carros coma o furacán,
para converter a súa ira en furia
e a súa carraxe en chamas de lume.
[16]En verdade o Señor
móstrase xusto xuíz
respecto de toda carne,
co lume e coa espada,
e multiplicaranse os abatidos polo Señor,
[17]os que se santifican e se purifican
(indo) aos xardíns detrás dun

**66**, 3 O heb. "néfex" ten aquí o sentido do gusto, tal como o esixe o contexto de ofrendas e banquetes de sacrificio.
**66**, 5-9 O autor contrasta a actitude dos que quedaron en Xudá coa dos pobos que tremen ante as palabras do Señor, esperando o cumprimento das promesas. Estes verán a gloria de Sión, ao aumentar o seu pobo de repente.
**66**, 9 *Abrir a matriz* equivale a facer concibir; mentres que *pechar a matriz* significa impedir o parto.
**66**, 10-14 Nótese como a imaxe do parto dos vv. 5-9 se continúa no proceso de aleitar ao pobo da parte da Nai Sión-Xerusalén.
**66**, 12 O heb. "xalom", ademais de paz, significa *fartura*. Ese é o sentido que ten aquí.
**66**, 14 O corazón, en paralelo cos ósos, son a raíz dos plans e proxectos (corazón), e a raíz do espírito ou enerxías, ilusións, esperanzas para realizar eses plans.
**66**, 17 *Un que está no medio*: referencia a un sacerdote idolátrico nun ritual para nós descoñecido (cf Ez **8**, 11). *As súas obras e os seus plans*, palabras escollidas do v. 18, onde están fóra de lugar no texto hebreo masorético.

que está no medio,
comen carne de porco,
animais abominables e ratos,
as súas obras e os seus plans
perecerán a unha –é o Señor quen fala.

**As nacións pagás pregoarán a gloria do Señor**

18Eu chego para xuntar todos os pobos e
as linguas, para que veñan e vexan a miña
gloria.
19Porei no medio deles un sinal e mandarei
os superviventes de entre eles ás nacións: a
Tárxix, a Pul e a Lud, aos que tensan o arco,
a Tubal e a Iaván, ás remotas nacións costeiras que non oíron o meu renome, nin viron a
miña gloria. Eles manifestarán a miña gloria entre os pobos. 20Eles traerán a todos os
seus irmáns como ofrenda para o Señor, en
cabalos e en carros, en liteiras, en burros e
en dromedarios, ata o meu santo monte de
Xerusalén –dío o Señor–, así como os fillos
de Israel traen ao templo do Señor a ofrenda
en vasillas limpas. 21Tamén collerei a algúns
deles para sacerdotes e levitas –dío o Señor.

**No novo mundo prostraranse todos diante do Señor**

22Así, o mesmo que o ceo novo e a terra
nova que vou crear permanecerán na miña
presenza –é o Señor quen fala–, así permanecerá a vosa descendencia e o voso nome.
23Resultará que desde a lúa nova
ata a outra lúa nova
e desde o sábado ata outro sábado,
virá todo o mundo prostrarse
na miña presenza –dío o Señor–.
24Eles sairán e verán nos cadáveres
dos homes que se rebelaron contra min
que o seu verme non morre
e que o seu lume non se apaga,
e serán o noxo de todo o mundo.

**66**, 19 *Tárxix*: son os Tartesios de Andalucía (Xén **10**, 4; Is **60**, 9). *Pul* e *Lud*: refírense á poboación africana do Sudán e Somalia (Xén **10**, 6. 13; Xer **46**, 9); *Tubal* era a costa do sur do mar Negro (Xén **10**, 2) e *Iaván* eran os xónicos ou gregos (Xén **10**, 2. 4).

**66**, 20 A conversión dos pagáns ao culto iavista ten para o autor un carácter cúltico lexítimo, para o que son escollidos sacerdotes dos mesmos pobos pagáns.

**66**, 24 O castigo escatolóxico dos membros do pobo infieis ao Señor non terá fin.

# INTRODUCIÓN A XEREMÍAS

## 1. O profeta Xeremías: nome, familia, e lugar de nacemento

*O vocábulo "Xeremías", en hebreo "Irmeiahu" significa "Iavé exalta", "Iavé ergue".*

*O profeta Xeremías debeu nacer polo ano 650 a. C. Descendía da familia sacerdotal de Abiatar, que fora retirada das funcións cúlticas nos tempos de Salomón e desterrada a Anatot, por ser partidaria de Adonías (cf 1 Re **1**, 25s; **2**, 26). A devandita Anatot pertencía ao Reino de Xudá, e á tribo de Benxamín, aínda que estaba moi preto de Xerusalén (5 km ao norte). Nos seus escritos reflíctense con claridade as tradicións teolóxicas do Reino do Norte: as de Raquel e Efraím (**31**, 15-18), as do santuario de Xiloh (7, 14; **26**, 6), e as do Éxodo, do deserto, e da entrada no país. En troques, as grandes tradicións xudías (elección divina de Xerusalén e da dinastía davídica), teñen ben pouca importancia para este profeta.*

## 2. Períodos da súa actividade profética

*Xeremías recibe a vocación ao profetismo sendo mozo (cf **1**, 4-10), no ano décimo terceiro do reinado de Ioxías (627/626 a. C.).*

a. Primeiro período de actividade: reinado de Ioxías (627-609 a. C.)

*O rei Ioxías, fillo de Amón, tiña oito anos cando morreu seu pai, no 640 a. C. Durante o tempo de rexencia (640-632), sendo xa vello Asurbanipal, decae o poderío de Asiria. Esta falta de poder hexemónico estranxeiro, xunto cun auténtico renacemento cultural e coa valoración das antigas tradicións, levarán ao mozo monarca Ioxías a emprender a reforma de afirmación nacionalista, volvendo ás formas cúlticas do máis puro iavismo. En plena euforia reformista, no ano 622, atopan os sacerdotes do templo de Xerusalén unha copia do libro da Lei, o Deuteronomio; e, informado o rei, manda consultar a profetisa Hulda, que recoñece o carácter normativo de tal libro sagrado. O feito de consultar a profetisa Hulda, en vez de acudir a Xeremías, fai pensar que o profeta de Anatot colaboraba entón na reforma de Ioxías no antigo Reino do Norte (fálase de Ioxías en **22**, 15ss, e dise ademais que Xeremías tiña amizade coa familia de Xafán (cf **26**, 24; **29**, 3...), sen que por iso se poida considerar como profeta oficial da Monarquía.*

*Os temas fundamentais da súa predicación son a loita contra a idolatría e contra o sincretismo relixioso, e tamén a exhortación ao cumprimento da alianza, á observancia do sábado e á xustiza social, temas característicos da reforma de Ioxías. Posiblemente haxa que situar no comezo deste período o texto de **11**, 18ss, que trata do complot dos seus paisanos contra o profeta por participar na reforma da centralización do culto, reforma que levaba á desaparición do santuario local de Anatot. Probablemente pertencen aos últimos anos deste período as denuncias de falta de entusiasmo pola reforma. Quéixase o profeta das inxustizas, cobiza desenfreada e descoido das auténticas esixencias relixiosas, todo iso encuberto cun falso ritualismo cúltico (cf **5**, 19; **6**, 13-21; 7, 21-28...). A situación á que se refire o texto de 7, 1-15, datada nos comezos do período seguinte, non se improvisa decontado, e por iso, aínda que a morte inesperada do piadoso rei Ioxías tivo que supor un trauma relixioso, xa os derradeiros anos do seu reinado deberon ser de arrefriamento relixioso e moral (doutro xeito, non se explicaría o texto de 7, 1-15).*

*A situación que reflicten os cc. **2-3** e **30-31**, aínda que sufrisen unha relectura de adaptación ao Reino de Xudá, ten que ver co Reino do Norte, pois, á luz de 2 Re **23**, 15-20 vese que Ioxías estendeu a súa reforma ao territorio do antigo Reino de Israel, desaparecido no 722/21.*

b. Segundo período de actividade: reinado de Ioacaz e Ioaquim (609-598 a. C.)

*A morte de Ioxías aconteceu en Meguido, cando este rei se opuxo co seu exército a que o faraón Nekó se dirixise ao derradeiro reduto asirio de Kárkemix, na beira do Éufrates, para facerse dominador das antigas posesións asirias. O pobo de Xudá elixiu como rei o fillo primoxénito de Ioxías, Ioacaz, piadoso iavista, coma seu pai; pero o faraón Nekó, que viña de establecer un pequeno imperio en Siria e Palestina, coa capital en Riblah, levouno prisioneiro a Exipto. Deixa entón de rei a outro fillo de Ioxías –Eliaquim, a quen lle cambia o nome por "Iehoiaquim" (que transcribimos por Ioaquim)–, home desapiadado e tirano.*

*Pertence a esta época o discurso contra a fiúza temeraria, fundada no feito de ter*

*o templo, e con el a garantía da asistencia divina. Do devandito discurso existen dúas formulacións: unha en 7, 11-15, e outra no c.* ***26****.*

*A este período corresponde tamén o texto de* ***22****, 13-19, que é unha denuncia contra o rei, por construír un novo pazo co froito das inxustas extorsións.*

*Anteriores ao ano 605 son os cc.* ***4-6****, e tamén* ***1****, 13-14, textos nos que se anuncia unha invasión que vén do norte, cando o inimigo dominador estaba a ser Exipto. No ano 605, cando os caldeos de Babilonia vencen o imperio exipcio en Kárkemix (cf* ***46****, 2-12), daquela concrétase o nome do inimigo do norte (****2****, 4-6;* ***25****, 11). Son tamén dese ano a acción simbólica de* ***19****, 1-2. 10-11, e o discurso dos vv. 14-15, que se agranda en* ***25****, 1-11. O profeta remata na cadea, ao considerar que as súas palabras provocaban o desastre que anunciaban. Xa na cadea, dítalle os discursos a Baruc, para que os lea no templo, diante das autoridades (c.* ***36****), cousa que leva á cadea tamén a Baruc.*

*Desta situación do profeta e do seu discípulo encadeados, son as chamadas "confesións de Xeremías", pertencentes ao xénero literario de "lamentacións individuais":* ***15****, 10-11. 15-21;* ***17****, 14-18;* ***18****, 18-23;* ***20****, 7-11. 13-18.*

*Pertencen tamén a este período os "oráculos contra as nacións" (****25****, 15-38; cc.* ***46-49****), e outros textos nos que, seguindo as tradicións dos profetas do Norte, denuncia os pecados dun pobo que esquece a palabra de Deus, preferindo seguir a dos falsos profetas, e que ofrecen un culto inadecuado a Deus, mentres exerce outro de tipo idolátrico á raíña do ceo, ademais de deixarse levar pola cobiza (cf* ***5****, 12-13;* ***6****, 10-17; 7, 16-34;* ***9****, 1-10;* ***13****, 1-11;* ***14****, 1-****15****, 9;* ***17****, 5-13;* ***18****, 1-17;* ***19****, 3-5;* ***23****, 9-32;* ***45****, 35).*

*Neste período, recolle tamén o profeta as tradicións mesiánicas de Xudá (****23****, 1-8), considerando ao futuro Mesías coma "Iavé, a nosa Xustiza".*

c. Terceiro período de actividade: reinado de Ioaquín e Sedecías (597-587 a. C.)

*Este período ábrese coa morte de Ioaquim e a sucesión do seu fillo Ioaquín, quen aos tres meses se rebela contra Nabucodonosor. Como consecuencia da rebelión, Xerusalén é asediada, e o rei e mais os seus conselleiros son deportados a Babilonia. A Ioaquín sucédeo seu tío Sedecías, fillo de Ioxías, que reinará desde o 597 ata o 587/6.*

*Neste tempo de deportación, xorde un problema teolóxico con complicacións económicas e humanas. Trátase da cuestión de saber quen son os que forman o verdadeiro pobo elixido: se os deportados ou os que quedaron en Xudá. O profeta inclínase polos deportados, aos que identifica co cesto dos figos bos (cf c.* ***24****), e aos que chama "verdadeiro pobo de Deus" na carta de* ***29****, 16-20.*

*A coalición anticaldea formada por Edom, Moab, Amón, Tiro e Sidón no ano 593, recibe palabras de condena e ameaza de parte do profeta, no c.* ***27****. Tamén é do devandito ano a acción simbólica que o profeta lle manda realizar a Seraías, ao acompañar a Babilonia ao rei Sedecías (cf* ***51****, 59-64). Pertence tamén a esta época o altercado con Hananías (****28****, 1ss).*

*O tempo do que se conservaron máis oráculos e información foron os meses do asedio de Xerusalén, no ano 588/7. O asedio foi provocado polas instigacións de Exipto a non pagar os tributos de vasalaxe a Babilonia, ao mesmo tempo que os conselleiros do indeciso rei Sedecías eran todos favorables a esta política de alianza con Exipto. Nos comezos do asedio, o profeta anúncialle ao rei que caerá prisioneiro (****34****, 1-6).*

*O asedio interrómpese ao chegar tropas exipcias en axuda. Daquela, os amos que manumitiran escravos nos primeiros momentos do asedio, ao veren retirarse os caldeos, escravizan de novo os manumitidos, o que provoca o anuncio da deportación de tales amos (****34,*** *8-20). A pesar da interrupción do asedio, o profeta segue a proclamar a vitoria babilónica (****37****, 3-10).*

*Neste momento de tranquilidade, antes de retomaren o asedio, o profeta intenta ir a Anatot para repartirlles a herdanza aos seus familiares, pero é denunciado como desertor, e é encadeado (****37****, 11-16).*

*A tranquilidade vaille durar pouco a Xerusalén, pois os babilonios, ao derrotaren os exipcios, retoman o asedio da cidade. Neste momento de confusión, o rei Sedecías consúltalle ao profeta a súa sorte futura, e o profeta repítelle o que xa dixera: encadeamento do rei e arrasamento da cidade e do templo. O profeta, que está na cadea, aproveita para pedirlle ao rei algo de liberdade, e este alíviao, trasladándoo ao patio da garda (****34****, 24-28;* ***37****, 11-21). Aínda no patio da garda, o profeta segue anunciando a súa mensaxe, animando a entregárense aos caldeos. Por esta razón os príncipes quéreno matar e méteno nunha cisterna sen auga, pero chea de*

*lama. Consegue sacalo de alí, con autorización do rei, o seu amigo Ébed-Mélec, que recibe do profeta un oráculo salvífico (**38**, 1-13; **39**, 15-18).*

*No momento máis crítico do asedio, o profeta realiza un xesto simbólico, cheo de esperanza: cómpralle a seu curmán Hananel unha leira, deixando entrever que as cousas van cambiar (cc. **32-33**).*

*No momento final do asedio fala o rei co profeta, e este aconséllalle que se renda; pero o rei non segue o seu consello, por debilidade verbo do partido pro-exipcio (**38**, 14-23). Ao pouco tempo debeu caer Xerusalén (**39**, 1-10). A mensaxe do profeta no momento da caída de Xerusalén é unha lección de teoloxía da historia: é vontade de Deus entregar o pobo nas mans de Babilonia, de xeito que o verdadeiro camiño de salvación está en obedecer aos caldeos (**27**, 5-11).*

*Despois da caída de Xerusalén, o profeta non vai a Babilonia cousa que lle ofrecían os caldeos (**39**, 11-14; **40**, 2-16), senón que queda co resto do pobo en Xudá. Por este motivo non se lle pode acusar de traidor ou desertor, senón que é un home capaz de ler no presente algo que vai mais alá do que outros ven.*

d. Cuarto período de actividade: desde a caída de Xerusalén ata a súa morte

*Segundo **40**, 1-6, o profeta, xa vello, seguiu entre o pobo que quedara en Xudá, compartindo a sorte daquela xente que non fixera caso aos seus oráculos (**40**, 7-**44**, 30).*

*Durante a súa vida, Xeremías foi o profeta do fracaso humano total; pero en morrendo, a súa obra foi moi aceptada, como se ve polas fontes do libro e por tantos textos de narración histórica, que sitúan os seus oráculos e nos presentan a vida do profeta de Anatot.*

### 3. Fontes do libro de Xeremías

*Segundo W. Rudolf a quen seguen a maior parte dos estudosos, pódense distinguir no libro tres fontes:*

a. A fonte A*, que inclúe textos orixinais do profeta: relatos autobiográficos; outros que reflicten sentimentos propios (as "confesións") ou alleos; discursos en verso ou en prosa onde se emprega o diálogo sen presentar os interlocutores; textos literariamente recargados, con moitas metáforas; tamén outros que son curtos e concisos, pero que están cheos de enerxía.*

*Pertencen a esta fonte as seguintes unidades literarias: cc. **1** e **2**; **4**, 5-**6**, 26; c. **13**; **14**, 1-**15**, 3; **21**, 11-**23**, 8; **23**, 9-40; **25**, 15ss; cc. **27**. **30-31**. **32** e **46-49**.*

b. A fonte B*, que recolle textos de Baruc, discípulo e escribán de Xeremías, probablemente reelaborados na catividade. Estas unidades presentan o seguinte esquema literario: a) introdución, con data, lugar e circunstancias; b) elemento literario central: palabras do profeta e reacción dos presentes, en forma de diálogo; c) conclusión.*

*Pertencen a esta fonte, seguindo a orde cronolóxica: c. **26**; **19**, 1-**20**, 6; cc. **36** e **45**; **51**, 59-64; **39**, 1-7; cc. **37-44**.*

c. A fonte C *é debida aos deuteronomistas do desterro, que recolleron oráculos do profeta e os adaptaron á nova situación. Os textos comezan por unha introdución cronolóxica e de circunstancias, seguida dunha exhortación á obediencia e unha descrición ou enumeración dos pecados, para rematar co anuncio de castigo. Este esquema literario é unha das formas do "rib" ou repaso das relacións entre as dúas partes da alianza. A razón pola que Rudolf e os seus seguidores introducen esta fonte é o emprego de fórmulas feitas, propias dos deuteronomistas. Sen embargo, comeza a poñerse en dúbida esta separación entre os textos de Xeremías e os que reelaboraron os deuteronomistas (compañeiros ou discípulos seus, cos que colaborara na reforma de Ioxías). Por este motivo, o terceiro grupo de textos (a fonte C) é discutible.*

*As unidades literarias desta suposta fonte, son: **7**, 19-27; **18**, 1-12; **22**, 1-5; **25**, 1-14; **34**, 8-22; **35**, 1-19.*

# XEREMÍAS

**Título**

**1** [1]Historia de Xeremías, fillo de Hilquías,
que pertencía aos sacerdotes que
había en Anatot, na bisbarra de Benxamín,
[2]a quen lle veu a palabra de Deus desde o
tempo de Ioxías fillo de Amón, rei de Xudá,
desde o ano trece do seu reinado, [3]e con-
tinuou desde o tempo de Ioaquim, fillo de
Ioxías, rei de Xudá, ata acabar aos once
anos do reinado de Sedecías, fillo de Ioxías,
en Xudá, e ata o quinto mes do desterro de
Xerusalén.

## I. ORÁCULOS CONTRA XUDÁ

**Vocación do profeta**

[4]A palabra do Señor veume dicir:
[5]–Antes de que te sacara do seo
da túa nai, mireite;
antes de lle saíres das entrañas,
consagreite;
constituínte profeta para as nacións.
[6]Entón eu díxenlle:
–Ai, meu Señor, Deus!
Repara en que non sei falar,
que son un rapaz.
[7]Logo o Señor respondeume:
–Non digas: "Son un rapaz";
pois a onde eu te mande, irás;
o que eu che ordene, dirás.
[8]Non lles teñas medo,
Eu estou contigo para te salvar
–é o Señor quen fala–.
[9]Alongou o Señor a súa man
e tocou con ela na miña boca;
logo díxome:
–Fíxate: poño a miña palabra
na túa boca,
[10]mira que hoxe te fago inspector
sobre as nacións e sobre os reinos,
para arrincar e derrubar,
para destruír e arruinar,
para construír e plantar.
[11]A palabra do Señor veume de novo:
–Que estás a ollar, ti, Xeremías?
Repuxen: –Unha vara de amendoeira
é o que estou ollando.
[12]Volveume dicir o Señor:
–Viches ben, eu estou alerta
coa miña palabra para a cumprir.
[13]Volveume de segundas
a palabra do Señor:
–Que estás a ollar?
Repuxen:
–Vexo un pote co lume atizado,
coa boca do tiro cara ao norte.

**1**, 1-3 Estes vv. son unha introdución a Xeremías, e non tanto ao oráculo vocacional dos vv. 4ss. Nestes vv. contrástase a personalidade de Xeremías e da súa familia de sacerdotes excluídos do servizo cúltico (cf 1 Re **2**, 26ss), aínda que coa situación calamitosa da monarquía e coa deportación de Xerusalén.

**1**, 1 *Anatot* situábase uns 5 km ao N de Xerusalén, aínda que pertencía á tribo de Benxamín e a Israel; das súas tradicións farase portador Xeremías.

**1**, 2 *Desde o tempo de* (heb. "be"). Este sentido, presente en ugarítico e na poesía hebrea, impide que consideremos o v. 3ab como unha glosa posterior. As datas entre as que exerce a súa actividade Xeremías van desde o ano 626 ao 587 a. C.

**1**, 4-19 O relato vocacional consta de dúas partes: A) Comunicación divina (v. 5); a reacción negativa de escusa do profeta (v. 6); un oráculo de conforto e promesa de asistencia (vv. 7-8); un ritual de consagración do profeta como home da palabra, realizado polo mesmo Deus (v. 9a); e a investidura do profeta como instrumento do poder da palabra de Deus (vv. 9b-10). B) Dúas visións proféticas coa explicación, que constitúe un comentario á investidura do profeta (vv. 11-12) e ao oráculo de conforto (vv. 13-19).

**1**, 5 A vocación considérase coma un plan divino desde a vida intrauterina de Xeremías, e exprésase nos termos de elección ("boteiche o ollo" = coñecinte), consagración e constitución en profeta. Se temos en conta que non presenta o texto unha data histórica (cf v. 2), e que supón as tensións dos anos próximos á caída de Xerusalén (cf vv. 8. 10), podemos pensar que a referencia á vocación durante a vida intrauterina é unha alusión ás tensións da súa familia cos reis e sacerdotes de Xudá.

**1**, 6-8 O diálogo destes vv. subliña o dinamismo da palabra de Deus: diante dela o home non ten máis que deixarse invadir da súa forza.

**1**, 10 *Destruír e arruinar* é unha glosa de clarificación ás imaxes agrícola e da construción: o reino é unha casa que se constrúe ou unha viña que se planta.

**1**, 11-12 *A amendoeira*: a árbore que primeiro bota flores, ten a mesma raíz filolóxica ca o verbo vixiar, polo que tal vocábulo é sinal da vixilancia de Deus sobre o cumprimento da palabra profética.

**1**, 13-19 A visión refírese a unha lareira que ten na parede da cara do norte unha abertura para atizar o lume co vento que vén do norte, o que supón que o lume e o fume teñen a dirección norte-sur. Esta escena é un sinal de que o castigo destrutor (o lume) do reino vén do norte, referíndose aos caldeos que ameazan Xerusalén. Os vv. 17-19 refiren esta visión profética ao relato vocacional, pois o profeta será quen lle mostre ao pobo a vontade de Deus nesta difícil situación.

14 Díxome o Señor:
–Do norte atizarase a calamidade,
sobre todos os habitantes do país.
15 Velaquí, estou para chamar
a todas as dinastías do norte
–é o Señor quen fala–:
Virán, e cada unha afincará o trono
e abrirá as portas de Xerusalén
no círculo de todos os seus muros,
en todas as cidades de Xudá.
16 Ditarei por medio deles
as miñas sentenzas
por causa da maldade
dos que me abandonaron,
dos que adoraron a outros deuses,
dos que se prostraron
ante as obras das súas mans.
17 Pero ti has cinguir o teu van,
has erguerte e dicirlles
todo o que eu che mande.
Non te acovardes por medo deles,
non sexa que eu te faga esmorecer
diante deles.
18 Fíxate: hoxe convértote
en cidade cortada a pico,
en columna de ferro,
en muralla de bronce, para todo o país,
para os reis de Xudá
e para os seus príncipes,
para os seus sacerdotes
e para a xente do campo.
19 Faranche guerra,
pero non poderán contigo,
pois contigo estou eu para te salvar
–é o Señor quen fala.

**As contas que Deus pide**

**2** 1 Veume a palabra de Deus: 2 Vai e berra nos
oídos de Xerusalén:
Así me ten dito o Señor:
Quero recordarche o agarimo
da túa xuventude,
o amor do teu namoro,
o teu camiñar tras de min polo deserto,
por terras sen sementeira.
3 Israel era a propiedade escollida de Deus,
primicia da súa colleita;
sempre que calquera se atreva a comela,
pagarao,
viralle enriba unha calamidade
–é o Señor quen fala–.
4 Escoitade a palabra de Deus,
fillas de Xacob,
todas as tribos descendentes de Israel.
5 Así ten falado o Señor:
Que cousa torta atoparon en min
vosos pais, para se afastaren de min?
Fóronse tras dos que son nada
e volvéronse nada.
6 En vez de preguntar: "Onde está o Señor
que nos sacou de Exipto e nos deu forzas
para camiñar polo deserto,
por terras ermas e fragas,
por terras requeimadas
e sombras de morte,
por sitios que ninguén pasa
e onde o home non habita?".
7 Eu conducinvos ao país dos hortos,
para que comésedes os seus froitos
e os seus bens;
pero vós entrastes e luxastes

**1**, 14-16 A explicación da visión consiste nun oráculo de xuízo de castigo, pois o v. 16b-d é unha acusación que motiva a sentenza divina de castigo. Pero este oráculo de xuízo de castigo serve para pór en situación as palabras de encoraxamento e o fortalecemento do profeta, farto dos problemas que lle causaba a súa vocación (vv. 17-19).
**1**, 17 A vocación profética contén un risco de fracaso público, na posible infidelidade á misión de denuncia.
**1**, 18 *Cidade cortada a pico* é a cidade inexpugnable por mor do empinado do monte e porque asenta no seu cume: a experiencia vocacional é un fortalecemento interior que volve ao profeta invencible.
**2**, 1-**4**, 4 Toda esta sección ten como elemento vinculante o "rib" (= acareo), petición de contas da fidelidade á alianza, no que se busca a volta do pobo á fidelidade, cousa que o profeta procura cos seus interrogantes retóricos, e coas respostas ás desculpas da sección **2**, 23-**3**, 5 e coas chamadas á conversión (**3**, 6-22a), para acabar cunha confesión dos propios pecados (**3**, 22b-25), e coas promesas salvíficas condicionadas á conversión (**4**, 1-4). Aínda que todos os elementos desta unidade non sexan da mesma época, a interconexión entre eles dificilmente deixa pensar nunha tarefa redaccional posterior, excepto a introdución (**2**, 1-3), só que esta unidade debeu formar parte do rolo ao que se refire o c. **36**.
**2**, 1-13 Constitúe a introdución a toda a unidade. Hai que subliñar a insistencia na palabra de Deus (vv. 2. 4), os contrastes entre os beneficios, froito da fidelidade do pobo, e as súas infidelidades idolátricas, por se esqueceren de Iavé, a pesar de que El foi sempre fiel á alianza (cf vv. 2b-3. 6-7), teoloxía que reflicte a orixe israelita do profeta. Os vv. 4ss dirixíronse primeiramente a Israel, e, no rolo do c. **36**, aplicáronse a Xudá.
**2**, 3 *Propiedade escollida* (heb. "qódex"), que literalmente significa "sagrada", separada do profano, que pertence a Deus. O aspecto da propiedade remarca o termo paralelo "primicia".
**2**, 5 *Ós que son nada*: refírese aos ídolos. O home vólvese imaxe daquilo que adora (cf **10**, 1-16; Sal **115**, 8; **135**, 18).
**2**, 6-7 As referencias ao Éxodo e ao don da terra son aquí os artigos da fe iavista. Ao abandonalos o pobo, o don da terra volveuse impuro e noxento.
**2**, 7 *Agriño* (lit. "herdanza"): o que Deus deu en propiedade ao seu pobo como don de alianza.

a miña terra,
convertestes en algo noxento
o meu agriño.
[8]Os sacerdotes xa non preguntan:
"Onde está o Señor?".
Os que tiñan que conservar a Lei,
xa non me coñecen,
os pastores aborrécenme,
os profetas profetizan en nome de Baal,
van tras deuses que de nada serven.
[9]Veña un trono,
que vou preitear convosco!
–é o Señor quen fala–.
Si, cos fillos dos vosos fillos
tamén preitearei.
[10]Atravesade ata as costas de Chipre
e mirade,
mandade xente a Quedar
e repasade desde antigo;
ollade: hai algo coma isto?
[11]Cambiou de deuses un pobo
algunha vez?
(e iso que aqueles non son deuses).
Pero o meu pobo cambiou
a miña adoración
pola dun deus que non serve.
[12]Os ceos véñense fixando nisto,
están estarrecidos e alporizados
desde entón –é o Señor quen fala–,
[13]pois dúas maldades cometeu
o meu pobo:
deixoume a min,
viveiro de auga vivificadora,
polos pozos gretados
que non reteñen a auga.

**Amargas consecuencias do abandono do Señor**

[14]É Israel un escravo
ou é un fillo nado na familia?
Como é que se converteu en presa
[15]pola que roxen os leóns
e lanzan os seus ruxidos?
Converten a súa terra en algo horrible,
as súas cidades están arrasadas
sen habitantes.
[16]Con berros as xentes de Nof e de Tafnes
excitan a túa altiveza.
[17]Acaso isto non che está pasando,
por abandonares o Señor, o teu Deus,
aquel que te facía camiñar
polo seu vieiro?
[18]Pois que se che perde camiño de Exipto?
Acaso beber a auga do Nilo?
Que se che perde camiño de Asiria?
Acaso beber a auga do Éufrates?
[19]A túa maldade será quen te instrúa
co seu castigo
e as túas apostasías serán
as que te castiguen.
Recoñece o desastroso, o amargo
que che resulta abandonar o Señor
e non respectar o teu Deus
–é o Señor, Iavé todopoderoso,
quen fala–.
[20]Fíxate: desde antigo
rompiches o teu xugo
e fixeches saltar as túas piogas,
e dixeches: "Nunca máis serei servo".
Velaquí que sobre todo monte alto,
e baixo toda árbore frondosa,

**2**, 8 A función do culto era buscar a Deus, a súa presenza (face) favorable, e por isto había que buscar a conversión, a fidelidade á alianza. Deste xeito aos sacerdotes competíalles conservar a Lei como expresión da vontade de Deus sobre o pobo; pero eles converteron as súas funcións en algo casuístico. Os pastores son aquí os reis e gobernadores que non se preocupan da fidelidade a Deus.
**2**, 9 *Veña un trono*: léase "lakan ad", lectura que responde ao paralelismo e que semella a orixinal.
**2**, 11 *Adoración*. O vocábulo hebreo "Kabod" (= gloria), ten aquí o sentido de "adoración".
**2**, 13 *Viveiro de auga*: a auga aparece como sinal da vida e felicidade que Deus procura ao seu pobo, en oposición aos ídolos, que non poden proporcionar nin vida nin felicidade.
**2**, 14-22 Estes vv. continúan o "rib", desenvolvendo o mortífero abandono do Señor (v. 13) e para isto introduce a contraposición escravo-fillo nado na familia. A data deste texto o mesmo ca a dos vv. 4-13, debeu coincidir coa época da decadencia asiria (anos 633-612), e con movementos independentistas apoiados por Exipto, despois da invasión escita no 625; por isto ben podemos pensar no ano 620.
**2**, 14 *Na familia* (lit. "na casa").
**2**, 16 *Nof* (en Os **9**, 6, Mof) é Menfis, a antiga capital do Baixo Exipto. *Tafnes* era unha cidade importante, ao L do Delta.
*Excitan a túa altiveza* (lit. "levántanche o cranio"). Do verbo "ur" = excitar, levantar o cranio, ten aquí o sentido psico-antropolóxico de soberbia, orgullo. Outros traducen "rápanche o cranio".
**2**, 18 A auga ten aquí o mesmo sentido ca no v. 13: vida, prosperidade, felicidade. *Que se che perde*: lit. "que hai para ti".
**2**, 20 Aínda que no v. 14 se considera o pobo como fillo nado na familia de Deus, este fillo mantén uns deberes de submisión e respecto que aquí se valoran coma o xugo e piogas e coma unha escravitude. Sae dunha pretendida escravitude para outra, a da prostitución idolátrica.

ándaste agachando para dáreste
á prostitución.
[21]Eu fixen de ti un plantío
de cepa escollida,
todo el de patrón lexítimo,
con que dereito te me volviches
cepa brava, dexenerada?
[22]Se te lavas con lixivia
e se multiplicas os teus lavados con xabón,
a túa culpa será expiada ante min
–é o Señor, o teu Deus, quen fala.

**Respostas ás declaracións de inocencia do pobo**

[23]Como te atreves a dicir:
"Non estou manchada,
non fun tras dos baais?".
Olla as túas pegadas polo val,
e recoñece o que fixeches,
lixeira poldriña de camela
que trota o seu vieiro,
[24]burra salvaxe afeita aos ermos,
que no seu celo cheira o vento:
quen a volverá?
Quenquera que a busque
non se precisa cansar, atópaa no seu celo.
[25]Deixa de andar sen ferraduras,
abandona o clareiro onde pasas sede.
Ti respondes: "Non porfíes!
pois quixen sempre os estranxeiros,
e ireime tras eles".
[26]Como está avergonzado un ladrón
cando o sorprenden,
así sorprendida hase avergonzar
a casa de Israel,
ela e mais os seus reis e os seus príncipes,
os seus sacerdotes e mais os seus profetas.
[27]Eles son os que lle din
a un anaco de madeira: "Ti es meu pai",
e a unha pedra: "Ti es a que me pariu".
Eles vólvenme as costas, e non dan a cara.
Pero cando lles veña a desgraza,
aparecerán ante min a dicir:
"Ei, Señor, sálvanos!".
[28]E logo onde están os teus deuses,
os que para ti fixeches?
Que eles esperten, se te poden salvar
na hora da túa calamidade!
Olla, Xudá: o número das túas cidades
é o mesmo ca o número dos teus deuses.
[29]Por que preiteaches comigo,
se todos vos rebelastes contra min?
–é o Señor quen fala–.
[30]Estou castigando os vosos fillos en van:
non aprenden;
a vosa propia espada devorou
os vosos profetas
Vede que un león devorador
vos anda arredor!
[31]Tede coidado coa palabra do Señor.
Por acaso volvinme eu para Israel
un ermo, ou unha terra escurísima?
Por que entón di o meu pobo:
"Queremos ser libres,
non volveremos máis xunto a ti?".
[32]Acaso esquece a rapaza os seus enfeites,
e a esposa os seus lazos?
Pero o meu pobo esqueceuse de min,
desde tempo sen conto.
[33]Que ben coñeces o teu camiño
para procurar o amor!
Para faceres o mal aprendiches ben

**2**, 21 *Cepa brava*. O autor cambia da contraposición escravo-fillo á da cepa de moi boa calidade, oposta á cepa brava e dexenerada.

**2**, 23-**3**, 5 Esta sección contén un sexenario de respostas de Deus ás declaracións do pobo no acareo con Deus: 1a (vv. 23-25a): negación dos pecados de idolatría cúltica, á que responde o profeta con imaxes que, por mor dos verbos de movemento, supoñen unha idolatría de alianzas políticas; 2a (vv. 25b-26): recoñecemento da afección de Israel ás alianzas políticas, que o profeta considera un roubo feito á fe exclusiva en Iavé, e neste roubo será sorprendida Israel e terá que avergonzarse; 3a (vv. 27-31a): acusación de idolatría cúltica deixando a Iavé, quen non os escoitará cando clamen a El na lamentación colectiva do momento da desgraza. Os vv. 28c-31a son unha aplicación a Xudá do texto dirixido a Israel; 4a (vv. 31b-33): recolle o tema da liberdade fronte a Deus (v. 20), ao que responde o profeta co vínculo indestrutible que crean os namoros dos noivos; pero Israel vén sendo unha noiva dexenerada e adúltera; 5a (vv. 34-37): despois da acusación de verter sangue dos pobres inocentes e o sangue dos propios fillos nos sacrificios a Baal, o pobo expresa a súa inocencia, ao que o profeta responde lembrándolles as antigas prevaricacións e idolatrías. A 6a resposta (**3**, 1-5) ten un preámbulo xurídico coa súa aplicación: do mesmo xeito que a muller divorciada do seu marido volve impura a terra, se volve co marido de antes (Dt **24**, 4), así o pobo de Deus profanou a cidade (Xerusalén) e a terra coa súa inconsecuente profesión de fe (vv. 4-5a), pois segue cometendo maldades e adulterando.

**2**, 25 Este v. é unha chamada á conversión, a volver ás relacións familiares con Deus (cf v. 14).

**2**, 27 ... *Os que lle din*...: O verbo empregado ten aquí o sentido de comparecer diante de alguén a pedir ou dicir: refírese á liturxia da lamentación colectiva, que resultará inútil por mor da idolatría.

**2**, 29-30 Este texto foi refundido durante a catividade babilónica, e reflicte a nova situación.

*Devorador* (heb. "maxhit"), é o nome do espírito destrutor, contra o que se celebraba nun comezo a festa e o ritual da pascua (cf Éx **12**, 13). Por isto, o león é aquí o poder de tal espírito destrutor, e a única defensa contra el é a obediencia á palabra do Señor.

**2**, 31 Atopamos agora o dobre concepto de liberdade: como liberación de toda norma, e como fidelidade aos compromisos, neste caso de fidelidade á alianza con Deus. Esa liberación de normas interiores acaba por escravizar.

os teus vieiros!
34Nas túas mans sangue,
a vida dos pobres inocentes;
non o sangue dos que son sorprendidos
furando nas paredes
senón o que saíu de todos estes.
35Ti respondes: "Pois eu son inocente,
e a ira de Deus apartouse de min".
Repara, eu estou litigando contigo,
por iso que dis: "Non pequei".
36Pois como te apartas desde tan antigo,
como cambias o teu vieiro!
Avergonzaraste de Exipto,
como estás avergonzada de Asiria:
37A berros sairás entón un cento de veces
coas mans na cabeza.
O Señor rexeitou os que che eran
de confianza: non terás sorte con eles.

**3** 1Dilles:
"Se un deixa a súa muller,
e ela se vai de onda el,
e ela é doutro home,
volverá onda ela o primeiro?"
Acaso non está profanada esta cidade?
E non es ti a prostituta de moitos amantes?
Pero volve a min –é o Señor quen fala–.
2Ergue os ollos para os teus dous amantes:
onde non fornicaron contigo?
Á beira dos camiños
sentábaste agardándoos,
como fan os nómades de Arabia
no deserto.
Profanaches a terra
coas túas prostitucións
e coas túas maldades.
3Non se che dan as chuvias do ceo,
non hai a chuvia do abril.
Ti tes cara de prostituta,
e non queres avergonzarte.
4Acaso non viñeches onda min?
Acaso non me clamaches: "Meu Pai,
ti es o amigo da miña xuventude?".
5Seguirá Deus anoxado para sempre,
ou gardarame rancor perpetuo?
Velaquí o que ti dis,
pero segues facendo as maldades
e cada vez con máis forza.

6Nos tempos do rei Ioxías díxome o Señor:
–Non viches o que fixo a apóstata Israel,
que subía a todo monte alto e se agachaba
baixo toda árbore frondosa, para se dar alí
á prostitución? 7Despois que ela fixo contra
min todas estas cousas, eu dixen: "Converterase", pero non se converteu. Ollouno Xudá,
a pérfida da súa irmá. 8Mostrei quen son castigando a apóstata Israel por se dar ao adulterio: rexeiteina e deille a acta de divorcio. Pero
non colleu medo a pérfida da súa irmá Xudá,
e vai e dáse á prostitución tamén ela. 9A súa
lixeireza para a prostitución corrompe o país,
xa que comete adulterio cos que son pedra e
madeira. 10A pérfida de Xudá non se aparta
converténdose a min de corazón, senón soamente na aparencia –é o Señor quen fala.

**Tres chamadas á conversión**

11Logo díxome o Señor:
–Máis xusta é a actitude da apóstata
Israel ca a da pérfida Xudá.
12Vai e proclama a berros
este oráculo cara ao norte:
Volve, apóstata Israel,
–é o Señor quen fala–,
e non deixarei caer
a miña carraxe sobre vós;
ollade que eu son compasivo
–é o Señor quen fala–
e non me quero anoxar
contra a vosa rebeldía.
13Recoñece a túa impiedade,
pois pecaches contra o Señor, teu Deus,
dirixiches os teus camiños
a deuses estranxeiros
baixo calquera árbore frondosa
e non quixeches escoitar a miña voz
–é o Señor quen fala–.
14Arrepentídevos, fillos apóstatas
–é o Señor quen fala–,
velaquí, eu serei o voso defensor:
collereivos a un de cada cidade,

**2**, 34 *Furando nas paredes*, equivale a "roubando".
**3**, 1-2 Os pactos políticos impiden a alianza con Iavé, o mesmo que o matrimonio cun home impide casar con outro. A salvación espérase da parte de Iavé ou das alianzas políticas.
**3**, 4 Tanto a imaxe divina de Pai coma a de Amigo-esposo, expresan a protección divina sobre o pobo.
**3**, 6-22 Estes vv. conteñen tres chamadas á conversión: vv. 6-11; vv. 12-19; e vv. 20-22, que cadran ben coa finalidade do "rib" ou acareo.
**3**, 6-11 Esta chamada á conversión é sinal da colaboración de Xeremías na reforma de Ioxías. Trátase de que Xudá escarmente co castigo da apostasía de Israel.
**3**, 9 ...*Cos que son pedra e madeira*: lit. "coa pedra e coa madeira", como referencia aos ídolos.
**3**, 10 Converterse de todo corazón: orientar a Deus todos os seus plans e proxectos.
**3**, 11 A actitude de Xudá considérase menos xusta, pois non aparta de si a fe idolátrica, nas alianzas políticas.
**3**, 12-19 Esta chamada á conversión diríxese ao resto das tribos do Norte nos tempos da reforma de Ioxías, nos que renacen os ideais de restauración do reino davídico. Chámase ao pobo para a "volta ao Señor" (vv. 12-15), e engádense promesas salvíficas (vv. 16-19).

e a dous de cada tribo e traereivos a Sión.
15Dareivos pastores conforme a miña idea
que vos gobernen con sabedoría
e sexan prudentes.
16Habédesvos multiplicar
e aumentar no país naqueles días
–é o Señor quen fala–.
Ninguén falará da Arca da Alianza
do Señor,
nin se lles virá á cabeza,
nin se lembrarán dela,
nin a botarán de menos,
nin farán unha nova.
17No tempo aquel chamaranlle
a Xerusalén "Trono de Deus"
e xuntaranse nela todos os pobos
polo poder do Señor
e por mor de Xerusalén,
e xa non volverán seguir os desexos
do seu ruín corazón.
18Desde aqueles días xuntaranse
o reino de Xudá co reino de Israel
(e xuntos virán da rexión do norte ao país
que eu lles dei en herdanza a seus pais).
19Velaquí que eu xa teño dito:
Con que amor te conto
entre os meus fillos
e che dou un país precioso,
e herdas unha gloria superior
ás demais nacións!
Con que gusto eu repito:
Chamarédesme "meu Pai",
endexamais non deixaredes de seguirme!
20O mesmo que unha muller
traizoa o seu marido,
así vós me traizoades a min,
reino de Israel –é o Señor quen fala–.
21Escóitanse berros nos petoutos,
choros suplicantes dos fillos de Israel.
Velaquí que perderon o seu camiño,
esqueceron o Señor, seu Deus.
22Volvede, fillos apóstatas,
eu fareivos abandonar
as vosas apostasías.

**Autoconfesión dos pecados do pobo**

"Míranos aquí, que vimos onda ti,
xa que ti, Señor, es o noso Deus.
23En verdade, que engano hai nos outeiros,
que confusión nos montes!
En verdade, no Señor noso Deus,
está a salvación de Israel.
24Cousas vergonzosas consumiron
os aforros dos nosos pais
desde a nosa xuventude
(as súas ovellas e vacas,
os seus fillos e fillas).
25Deitámonos coa nosa desvergonza
e tapounos a nosa ignominia;
pecamos contra o Señor,
o noso Deus, nós e nosos pais,
desde a nosa xuventude ata hoxe;
non fixemos caso da palabra do Señor,
noso Deus".

**Promesas salvíficas condicionadas**

**4** 1Se te volves, Israel
–é o Señor quen fala–, volve a min;
se deixas a un lado as túas ignominias,
non andarás vagabunda lonxe de min;
2se xuras "Vive o Señor!"
(con verdade, con xustiza e con dereito),
El bendicirá por ti os pobos
e cubriraos de gloria.

**3**, 15 *Conforme a miña idea*: lit. "o meu corazón", sede dos plans e proxectos salvíficos de Deus.
**3**, 16 A falta da Arca da Alianza non supón o tempo do exilio, pois debeu desaparecer en pillaxes anteriores (cf 1 Re **14**, 26; 2 Re **14**, 14).
**3**, 17 Xerusalén será quen substitúa as funcións da Arca da Alianza como trono de Iavé.
**3**, 18b A paréntese é unha glosa deuteronomista do tempo do desterro, como se ve polo segundo v.
**3**, 19 As expresións son características de Os e do Dt, mesmo recoñecendo a autoría de Xer, que, como herdeiro da teoloxía israelita, está fortemente entroncado con estes libros.
**3**, 20-22a Esta chamada á conversión (v. 22a) vai precedida dunha acusación e do seu correspondente castigo, que ben se pode referir á invasión dos escitas.
**3**, 22a *Fareivos abandonar*: nótese a primacía da acción de Deus na conversión do pobo, que anticipa a teoloxía paulina e xoánica da graza.
**3**, 22b-25 Esta autoconfesión vai ben co "rib" (cf nota a **2**, 1-**4**, 4).
**4**, 1-2 O "rib" conclúe cun oráculo salvífico condicionado á conversión ao Señor, acorde coa intención deste xénero literario.
**4**, 2 O xuramento é unha expresión de fe no Deus vivente e vivificador, e por isto testemuña dos feitos da nosa vida. A paréntese é unha glosa posterior, pois rompe o paralelismo (cf **5**, 11-14).

# II. SERIE DE ORÁCULOS DE COMENTARIOS DO PROFETA

3 Ollade o que lles di o Señor
aos homes de Xudá e de Xerusalén:
Desarmádevos a vós mesmos,
que sodes campos ermos,
e non sementedes cardos.
4 Circuncidádevos en ofrenda ao Señor
sacade do voso corazón
os impuros prepucios,
homes de Xudá e veciños de Xerusalén,
senón a miña ira saltará coma lume
e queimará sen ter quen o apague,
á vista da maldade dos vosos feitos.
5 Facédello saber a Xudá,
facédello escoitar a Xerusalén
e dicídelle:
"Tocan o corno polo país,
chaman a formar, a pórse en filas,
tomemos as cidades do Inexpugnable".
6 Collede a bandeira de Sión,
fuxide sen parar.
Ollade, eu estou traendo do norte
unha desgraza, unha grande ruína,
7 está subindo o león da frondosidade,
bótase fóra o devorador de pobos,
sae do seu tobo para converter
o teu país en algo horrible,
para que as túas cidades
sexan arruinadas
polo aniquilador dos seus veciños.
8 Por iso vestídevos de saco,
facede loito e lamentádevos,
ollade que non se apartan de nós
a ardente indignación e a ira do Señor.
9 No día aquel –é o Señor quen fala–
esvaecerá o corazón do rei
e mais o dos príncipes,
aparvarán os sacerdotes,
e pasmarán os profetas.
10 Entón eu dixen:
–Ai, Señor, meu Deus!,
en verdade enganaches a este pobo
e a Xerusalén,
dicíndolle: "Teredes fartura e paz",
e velaquí a espada que nos chega á gorxa.
11 No tempo aquel diranlle a este pobo
e a Xerusalén:
"Un vento quente de arriba vén do deserto,
camiño da capital do meu pobo";
non é vento de erguer nin de limpar;
12 coma ese vento, un espírito forte
de maldición apodérase de min.
Agora eu ditarei a berros
sentenza contra eles:
13 Velaquí que sobe coma unha nube,
os seus carros coma unha poeira,
os seus cabalos máis veloces
ca as aguias.
Ai de nós, que nos esnaquizan!
14 Limpa da ruindade o teu corazón,
Xerusalén, para que poidas salvarte,
Por canto tempo durmirán no teu peito
os plans da túa desgraza?
15 Velaquí que se está oíndo unha voz
que vén de Dan,
escoitade unha desgraza
que vén dos montes de Efraím:

**4**, 3-**5**, 14 Setenario de oráculos divinos, seguido cada un deles dun comentario profético. Pon o remate a unidade **5**, 11-14, na que se subliña a misión do profeta como portador da palabra de Deus. A función deste bloque é chamar á conversión do pobo; por isto debeu de formar parte fundamental do rolo do que fala Xer **36**. As sete unidades son: **4**, 3-8. 9-14. 15-21. 22-26. 27-31; **5**, 1-6. 7-10. Nótese que, despois do final desta serie (**5**, 11-14), non aparece máis o esquema oráculo + comentario profético.

**4**, 3-8 Esta unidade está constituída por un oráculo de chamada á conversión, en imaxes agrícolas e rituais (circuncisión: vv. 3-4a), cunha ameaza de castigo (v. 4b), que se desenvolve nunha descrición anticipada do desastre (vv. 5-7), para pecharse cunha mensaxe do profeta, na que se repite en linguaxe directa a chamada á conversión e a ameaza.

**4**, 3 A conversión ha de ser sincera, para poder dar froitos bos, e non cardos.

**4**, 4 A circuncisión non é soamente un sinal externo de pertenza ao pobo de Iavé, senón que ha de levar o pobo á conversión interior. Así, fala Xer dos oídos incircuncisos (**6**, 10), do corazón incircunciso (**9**, 24-25); e san Paulo, considerará verdadeiro israelita ao circunciso de corazón (Rm **2**, 15-29; 1 Cor **7**, 19; Gál **5**, 6; **6**, 15...).

**4**, 6 A visión do desastre refírese a unha invasión que veu do norte, que ben puido ser a dos escitas e logo tivo actualidade no tempo das invasións caldeas. O oráculo subliña que é Deus o que trae tal invasión, molesto polo comportamento do pobo.

**4**, 9-14 Ao oráculo de castigo (v. 9) responde o profeta cunha obxección probada pola mensaxe dos falsos profetas (v. 10), á que volve a responder o oráculo divino desenvolvendo a descrición do castigo (vv. 11-13b), para acabar cunha chamada do profeta á conversión (vv. 13b-14).

**4**, 9 *Corazón*: asento dos plans e proxectos, como o esixe o paralelismo de aparvar, pasmarse.

**4**, 10 *Fartura e paz*: dous aspectos do termo hebreo "xalom", que se emprega repetidamente.

**4**, 11-12 Xoga o autor co dobre sentido do vocábulo "rúah" -vento, espírito- como expresión de poder e forza. Emprégase aquí un forte antropomorfismo, pois é de Deus de quen se apodera este espírito de maldición: é El quen decide firmemente maldicir o pobo.

**4**, 14-21 No mesmo ton das dúas descricións postas na boca de Deus, a desgraza aproxímase. Vén de Dan e de Efraím, e escóitase en Xerusalén (vv. 15-16). Segue a interpretación teolóxica de tales feitos: os atacantes son os gardas do Poderoso, porque contra o Poderoso está Xerusalén (vv. 17-18). No v. 19 comeza a reacción do profeta como representante máis sensible do mesmo pobo, co que se sente solidario.

16 Acordádellelo aos pobos:
"Velaquí están!";
facédello escoitar a Xerusalén:
Os atacantes chegan dun país remoto,
xa lanzan os seus gritos de guerra
contra as cidades de Xudá.
17 Os gardas do Poderoso
están arredor contra ela,
pois ela está contra min!
–é o Señor quen fala–.
18 O teu comportamento e os teus feitos
trouxéronche isto,
esta é a calamidade que te aflixe.
Que amargura!
Como chega ao teu corazón!
19 As miñas entrañas!
As miñas entrañas retórcense de dor!
Chamo ao meu corazón; anda solto:
non son capaz de atalo.
Estou oíndo o bruído do corno,
o estrondo dos berros de guerra:
o barullo das gorxas da guerra,
20 un arrasamento chama por outro,
todo o país está estragado,
dun golpe estragan as miñas tendas,
dun empurrón os meus campamentos.
21 Ata que día ollarei a bandeira
e oirei o bruído do corno?
22 Que aparvado está o meu pobo:
a min non me recoñece;
son fillos aparvados, non as pensan;
son listos para facer o mal,
non saben facer o ben.
23 Enxergo o país, e vexo un caos,
enxergo o ceo, e non ten a súa luz;
24 enxergo os montes, e están tremendo,
enxergo os petoutos e todos estarrecen;
25 miro atentamente, e nin cultivo hai,
todos os paxaros do ceo voaron;
26 miro, e o horto volveuse un deserto,
todas as cidades do meu pobo
están arrasadas,
ante a presenza do Señor,
polo ardor da súa ira.
27 Ollade o que di o Señor:
Todo o país se volverá un estrago,
a desfeita serei eu quen a faga;
28 por iso a terra se volverá erma,
e o ceo escuro, por causa de tanto delito;
ollade que o dixen, penseino ben,
non me arrepinto nin retiro a miña palabra.
29 Soamente co ruído dos xinetes
e dos arqueiros
foxe toda a cidade, métense na espesura,
ruben aos penedos;
toda a cidade está abandonada:
non queda sequera un veciño.
30 Olla para ti, como estás arrasada!
Que fas! Como te vistes de seda?
Como te enfeitas con adornos de ouro?
Como estendes con negro
a raia dos teus ollos?
Poste bonita para nada;
os teus amantes desprézante,
buscan acabar coa túa vida!
31 Xa houbo berros
coma de quen se retorce no parto,
angustias coma dunha primeiriza;
é o grito da filla de Sión que xeme,
é ela quen estende as súas mans:
Ai de min, xa non teño forzas!
Ai da miña vida, que me matan!

**5** 1 Percorrede as rúas de Xerusalén, ollade
ben e fixádevos, esculcade as súas prazas
por se atopades a alguén, por se hai quen faga
o que é xusto, quen busque a verdade, así eu
perdoarei a cidade.
2 Se din: "Vive o Señor!",

**4**, 18 *Chega ao teu corazón*: a calamidade, a invasión inimiga escurece a mente do pobo, que non pensa nunha sincera conversión a Deus para evitar o desastre.
**4**, 19 *As entrañas* son a raíz dos sentimentos, e, neste caso, do fondo pesar (dor); nin o corazón do profeta nin o do pobo atinan coa forma de acadar a liberación de tal calamidade.
**4**, 21 *A bandeira* e *o corno* son aquí os do inimigo, que está en avance cara a Xerusalén.
**4**, 22-26 O v. 22 é un oráculo aínda que sen introdución, pois esíxeno as expresións "meu pobo" e "non me recoñeceu". Recolle o tema do corazón errante, do v. 19. O ton do oráculo é de acusación polo aparvamento do pobo para entender as cousas de Deus e recoñecer a súa acción. Os vv. 23-26 son un comentario descritivo do profeta á situación aludida nos vv. 15-16, presentando a invasión preanunciada como unha teofanía da ira do Señor, ante a cal desaparece mesmo o mundo inanimado.
**4**, 27-31 Os vv. 27-28 son un oráculo de castigo, ao que segue o comentario do profeta, que primeiro (v. 29) é unha explicitación de castigo, para volver á inutilidade dos amoríos do pobo cos amantes (alianzas políticas), recordando as acusacións (v. 30). Acaba o profeta con expresión de forte dor, en chamada de socorro.
**5**, 1-6 Os vv. 1-2 poñen na boca de Deus o carácter irrevogable da sentenza (cf **4**, 28). Os vv. 3-6 son un comentario profético ao oráculo anterior: Deus non pode perdoar, porque non hai ningún xusto: non aprenderon co castigo divino, non coñecen o xeito de comportarse (= camiño) o Señor, nin sequera os dirixentes o coñecen. O v. 6 é o anuncio do castigo, seguido da acusación, postos na boca do profeta.
**5**, 1 "Buscar a verdade" (="emunah"), é comportarse esperando de Deus a propia seguridade e felicidade; equivale á xustiza, pero subliña o aspecto de confianza e esperanza na fidelidade de Deus ás súas promesas.
*Perdoarei a cidade*: o perdón de Deus para un pobo, débeselles aos xustos dese pobo (cf Xén **18**, 20-23; Is **53**; Ez **22**, 30).

é para xuraren en falso.
[3]Acaso non é a verdade
o que enxergan os teus ollos, Señor?
Batícheslles e non lles doeu,
esnaquizáchelos
e non aprenderon a lección;
puxeron caras máis duras ca a pedra,
refugaron converterse.
[4]E eu pensaba para min:
que ignorantes, que loucos,
non coñecen o camiño do Señor,
o precepto do seu Deus.
[5]Irei eu mesmo onda os grandes
e falareilles,
pois eles coñecen o camiño do Señor,
o precepto do seu Deus.
Velaí, todos a unha partiron o xugo,
fenderon as cangallas:
[6]por iso feriraos o león que sae da selva,
devoraraos o lobo que sae da carpaceira,
unha pantera está á espreita
das súas cidades,
esnaquizará a todos os que saian delas,
porque multiplicaron os seus pecados
e as súas apostasías.
[7]Como che podo perdoar isto,
se os teus fillos me seguen abandonando
e xuran polos que non son deuses?
Como os podo fartar
se seguen facendo adulterio
e indo en manada á casa da prostituta?
[8]Son cabalos cebados e en celo,
cada un rincha tras a muller do veciño.
[9]Acaso de todo isto non vos vou
pedir contas? –é o Señor quen fala–.
Acaso non me vou vingar eu mesmo
dun pobo coma este?
[10]Subide ás súas viñas e destruídeas;
facede a desfeita máis completa,
facédelle desaparecer as vides,
pois xa non lle pertencen ao Señor.
[11]Si, fóronme infieis a casa de Israel
e a casa de Xudá –é o Señor quen fala–;
[12]renegaron do Señor, e dixeron:
"El non é ninguén,
por iso non nos pode vir
ningunha calamidade,
non sentiremos a espada nin a fame.
[13]Os seus profetas son vento,
a súa palabra non está neles".
Pero todo iso lles pasará.
[14]Por isto, así fala o Señor,
Deus dos exércitos:
Xa que vós dixestes estas cousas,
vede que converterei en lume as palabras
que eu poño na túa boca:
consumirás este pobo
coma unha morea de leña.

## III. SERIE DE ORÁCULOS DE CASTIGO

### Anuncio de castigo

[15]Ollade que eu estou traendo contra vós,
un pobo remoto, casa de Israel
–é o Señor quen fala–:
é un pobo imperecedoiro,
un pobo que vén de moi antigo,
un pobo ao que non lle coñeces a fala,
nin comprendes o que di;
[16]as súas alxabas
son coma sepulturas abertas,
a súa destrución é a dos heroes.
[17]Comerán as túas colleitas e o teu pan,
devorarán os teus fillos e as túas fillas,
comerán as túas ovellas e as túas vacas,
comerán as túas viñas e as túas figueiras,
arrasarán coa espada
as túas cidades inexpugnables,
nas que ti pos tanta confianza.

**5**, 5 *O xugo* e *as cangallas* son aquí sinais da alianza con Iavé, baseados na fidelidade á súa vontade e na confiada esperanza na súa protección (cf v. 1).
**5**, 6 *Multiplicaron*, radicalizaron: bina que aparece en ugarítico e que significa literalmente "multiplicar por 10.000" e "volver poderoso, forte".
**5**, 7-10 O oráculo desta sección (vv. 7-9) é unha ampliación do oráculo anterior: Deus non pode perdoar tanto desprezo de si mesmo e da súa lei. O anuncio de castigo ponse na boca do profeta e é unha chamada a arrasar a viña (= pobo), pois xa non lle pertence a Iavé.
**5**, 7 O perdón de Deus ten a súa expresión externa na abundancia de bens. A idolatría que aquí se considera é o culto a Baal e Axerah, con prostitución sagrada.
**5**, 10 *Vides*: o vocábulo hebreo ten sentido de viña e mais de medida agraria. Aquí o contexto esixe o sentido de viña.
*Completa*, pois o "al" do texto hebreo, ha de lerse "el", e ten sentido de adxectivo superlativo: divina, poderosísima, moi completa.
**5**, 11-14 O v. 11 é unha acusación posta na boca de Iavé, á que segue unha tipificación da acusación na boca do profeta (vv. 12-13) que proclama o castigo (v. 14).
**5**, 15-17 Oráculo de castigo, na forma dunha descrición dos inimigos que Deus manda contra Xudá e da enumeración dos males que lle causará.
**5**, 16 *Alxabas* (heb. "axfat"): en ugarítico é paralelo con "arco", e por iso significa "alxaba".

**Deportación do pobo de Xudá**

18 Velaquí o que ben alto vos di o Señor:
Naqueles días eu provocarei entre vós
a destrución.
19 E se preguntan: "Por que o Señor, noso
Deus, nos inflixiu todos estes males?". Ti
responderaslles: "O mesmo que vós me
abandonastes a min, para servirdes deuses
alleos no voso país, así tamén serviredes vós
aos estranxeiros nun país que non é o voso".

**Oráculo de acusación**

20 Comunicádelle isto á casa de Xacob,
proclamádello a Xudá, dicindo:
21 Escoitade isto, pobo louco e sen xuízo:
teñen ollos e non ven,
teñen oídos e non escoitan.
22 A min non me tedes respecto?
–é o Señor quen fala–.
Non tremedes ante a miña presenza?
Eu son o que puxen a area
de lindeiro para o mar:
marxe eterna que el non traspasa;
enfurécense as súas ondas,
pero non son capaces;
revólvense, pero non traspasan a marxe.
23 Este pobo ten un corazón
duro e aparvado,
apartouse e marcha para lonxe.
24 Nin sequera pensa no seu corazón:
"Respectemos o Señor, o noso Deus,
ollade que nos está instruíndo,
ao darnos a chuvia de cedo
e a chuvia de tarde ao seu tempo,
ao manter para nós
as semanas xustas para a seitura".
25 As vosas iniquidades
impedirán estas cousas,
os vosos pecados
apartarán a chuvia de vós.
26 Velaquí que no meu pobo
hai malvados;
están, coma cazadores,
alerta contra o teu remedio,
levantan firme a ruína, cazan homes.
27 Como un cesto cheo de paxaros
así están as súas casas cheas de roubos;
28 así medran, fanse ricos,
crecen gordos e lustrosos.
A berros proclaman a sentenza inxusta,
non xulgan conforme o dereito;
o xuízo do orfo endexamais non ten éxito,
nin sentencian o dereito dos pobres.
29 Destas cousas non vou pedir contas?
–é o Señor quen fala–;
dun pobo coma este
non me vingarei eu mesmo?
30 Cousas horribles e vergoñentas
pasan no país:
31 os profetas profetizan con mentira,
os sacerdotes asoballan ao levantaren
as súas mans,
e o meu pobo está contento
vivindo deste xeito.
Que fará cando chegue o desenlace?

**Ameazas divinas, co preanuncio do asedio de Xerusalén**

**6** 1 Fuxide do medio de Xerusalén,
descendentes de Benxamín:
tocade o corno da desbandada
desde Tecoa,
facede sinais desde o alto
de Bet-ha-Quérem;
ollade que o desastre xa se ve vir
desde o norte, unha enorme desgraza.

**5**, 18-19 Oráculo de castigo, que no v. 19, por mor da pregunta que o profeta dirixe a Deus, convértese nun oráculo de xuízo (acusación) de castigo, no que se anuncia a deportación do pobo.
**5**, 20-31 Este oráculo está firmado por unha serie de acusacións: loucura e falta de xuízo, falta de respecto a Deus non obstante o seu sabio poder, obstinación nos criterios de prescindir de Iavé, furtos e inxustizas nos preitos, falsos profetas e asoballamentos nas actuacións xudiciais. Soamente se pode considerar como anuncio de castigo o v. 29.
**5**, 22 "Iam" era a principal divindade mariña. Este nome quedou en hebreo para nomear o mar, pero aquí o texto enténdeo no sentido da mitoloxía cananea.
**5**, 24 A consideración dos dons da chuvia e do bo tempo para os labores do campo deberían levar ao pobo ao respecto a Iavé e a deixar a súa obstinación en prescindir del. Esta obstinación fará que Deus os prive mesmo da chuvia.
**5**, 25 *Chuvia*: o termo "tob" (= bo), significa aquí "chuvia", por razón do contexto (cf v. 24).
**5**, 26 *O teu remedio*: léase no hebreo "queca", planta medicinal orixinal da India, pero empregada no Medio Oriente e Exipto desde o s. XVII a. C. En Ugarit está en paralelo co aceite, que tiña usos medicinais. O sentido do v. é: os malvados agardan a chuvia que falta, á espreita coma os cazadores, pero cazan homes, e deste xeito levantan ben alta a súa ruína.
**5**, 28 A gordura ten o valor de orgullo e soberbia.
**5**, 31 O xesto de levantar as mans acompañaba o fallo na sentenza xudicial, que en tribunal de última instancia realizaban os sacerdotes no templo.
**6**, 1-8 Oráculo de xuízo de castigo (vv. 1-7), acabado en exhortación divina a facer caso (v. 8). Mándase aos benxaminitas abandonar Xerusalén, pois Deus está cortando a herba para os pobos que, cos seus reis (pastores) á fronte, van asediar Xerusalén. Deus mesmo cualifica esta guerra como guerra santa, pois El é o que a dirixe e dá ordes. Os vv. 6b-7 constitúen a acusación deste oráculo de xuízo de castigo.
**6**, 1 *Técoa* era unha aldea a poucos quilómetros ao sur de Xerusalén (cf Am **1**, 1).
*Bet-ha-Quérem*, lit. "casal do horto", pobo difícil de localizar.

2 Eu estou a cortar da casa de Sión
o bo pasto:
3 van entrar nela pastores
cos seus rabaños,
plantarán arredor dela as tendas,
cada un pastoreará polo seu lado.
4 Declarade a guerra santa contra ela;
erguédevos, subamos contra ela
ao mediodía:
mágoa que se nos vai o día,
que se estenden as sombras da tardiña.
5 Èn pé! Subamos de noite,
destruamos os seus palacios.
6 Ollade o que di o Señor dos Exércitos:
Cortádelle as árbores,
e construíde con elas
un terraplén de asedio contra Xerusalén.
Ela é a cidade merecente de castigo;
no seu interior toda ela é opresión.
7 Como unha cisterna recolle
as súas augas,
así ela xunta a súa maldade,
óense nela violencias e opresións,
na miña presenza sempre se oen
xemidos e golpes.
8 Faime caso, Xerusalén;
senón eu apartareime de ti,
e convertereite nunha desolación,
en cidade deshabitada.

### A ira de Deus, para os ladróns da cepa de Israel

9 Así fala o Señor dos Exércitos:
Que medre forte coma unha cepa
o resto de Israel,
que a túa man, como de vendimador,
limpe os seus bacelos.
10 A quen llo direi?
A quen porei por testemuña
para que me escoiten?
Teñen o oído incircunciso,
non son capaces de poñer atención.
Velaquí a Palabra de Deus: é para eles
palabra de censura que non lles agrada.
11 Èu estou cheo da ira do Señor,
xa non a podo reter máis.
Bótaa sobre os rapaces na rúa,
bótaa dunha vez sobre a xuntanza
dos mozos,
pois irán cativos o home
xunto coa muller,
o vello e mais o cangado de anos.
12 Deste xeito as súas casas pasarán
a estranxeiros,
xunto coas súas tenzas e mulleres,
pois eu estenderei a man
contra os habitantes do país
–é o Señor quen fala–.
13 Xa que desde o máis pequeno
ata o máis grande
se consomen cobizando o alleo,
e desde o profeta ata o sacerdote
devecen por facer enganos.
14 Queren curar a ruína do meu pobo,
dun xeito fácil, dicíndolle:
"Paz, felicidade". Pero non hai paz.
15 Que se avergoncen,
pois fixeron o que é abominable.
Pero nin se avergonzan,
nin saben o que é a vergonza.
Por iso caerán cos que han caer:
cando eu lles pida contas, irán á ruína
–fala o Señor.

### O castigo do pobo e a chamada á conversión

16 Así fala o Señor:
Mantédevos nos vieiros
doutros tempos e observade,
consultade as normas antigas:

**6**, 8 *Cidade*: heb. "eres", co sentido de capital dun país.
**6**, 9-15 Este texto consta dun oráculo de castigo (v. 9), contrastado cun de bendición (v. 9a) dirixido ao resto de Israel, que, por ser unha fórmula teolóxica dos herdeiros da bendición de Deus, habemos de entendelo referido a Xudá. O contraste opérase dentro da imaxe da cepa: Pobo de Deus, as súas vides (= resto de Israel) han de medrar, mentres que os ladróns da cepa (que por saíren no corpo da cepa teñen máis forza ca as vides e por isto arruínan a cepa) han ser cortados polo profeta. O profeta cortaraos coa palabra, e por isto intervén nos vv. 10-11a, mostrando a dificultade de ser escoitado polos dirixentes e de botar neles a ira do Señor, da que está cheo. No v. 11b recóllese a orde divina de falarlles aos rapaces e aos mozos. Esta orde vólvese oráculo de xuízo condenatorio co anuncio do castigo, nos vv. 11c-12, e coa acusación nos vv. 13-15a, repetindo no 15b o anuncio de castigo coas imaxes da caída e da ruína.
**6**, 12 *Do país*: quizais o sentido mellor é o de cidade, capital do país.
**6**, 13 Refírese á actividade dos falsos profetas.
**6**, 16-26 Esta complexa unidade comeza por dúas acusacións na forma de oráculo: desobediencia ao Deus do Bo Camiño, e falta de atención aos profetas postos por Deus como vixías (vv. 16-17). Logo segue o anuncio xeral de castigo (v. 19a), resumindo en 19b as acusacións dos vv. 16-17. O v. 20 (rexeitamento do culto) é unha tipificación do castigo do v. 19a, e hase entender no contexto da acusación repetida do v. 19b. Os vv. 21 e 22-25 son concrecións cada vez máis claras do castigo xeral do v. 19a, e para subliñalas introdúcense coa fórmula dos oráculos. O v. 26 é unha chamada ao pobo de Xerusalén á conversión co ritual da lamentación pública, como camiño único para librárense do devandito castigo.
**6**, 16 *O Deus do Bo Camiño* (lit. "o do Bo Camiño"), que, a xulgar por expresións semellantes, presentes nos salmos e nos textos de Ugarit, é un título de "Iavé", que significa o Deus da revelación dun comportamento moral que leva ao pobo á felicidade.

Onde está o Deus do Bo Camiño?
Camiñade por el,
e deste xeito atoparedes tranquilidade
para a vosa vida.
Pero eles responderon:
"Non queremos camiñar".
17Púxenvos sentinelas:
"Estade atentos ao toque do corno".
Pero responderon:
"Non queremos estar atentos".
18Por isto escoitade, pobos;
dáte conta, xuntanza dos pobos,
do que hai para eles;
19escóitao, terra enteira.
Mirade que estou traendo a desgraza
para este pobo,
o froito dos seus proxectos;
pois non puxeron atención
ás miñas palabras
e mesmo rexeitaron a miña Lei.
20Por que me traedes entón
o incenso desde Sabá,
e a cana recendente desde terras remotas?
Os vosos holocaustos
non son do meu agrado,
nin os vosos sacrificios me contentan.
21Por isto, fala o Señor deste xeito:
Velaquí que estou a pór atrancos
a este pobo,
para que tropecen pais e fillos xuntos,
para que morran o do país
e mais o seu veciño.
22Así fala o Señor:
Ollade: do norte vén un pobo,
desde a outra esquina do mundo
avanza un gran pobo;
23empuñan o arco e a lanza curta,
son crueis e non teñen compaixón,
os seus berros resoan coma o mar,
montan cabalos;
coma un só home están formados
para a guerra contra ti,
filla de Sión.
24Ao escoitar a grande sona
deste pobo,
estremecen as nosas mans,
apértanos a angustia,
unha dor coma de muller no parto.
25Non saias ao campo,
non sigas o camiño,
pois alí está a espada do inimigo:
todo arredor é espanto
e o terror está por toda a contorna.
26Filla do meu pobo, vístete de saco,
cúbrete de cinsa.
Fai por ti un loito
coma por un fillo único,
entristece e chora polo teu ben;
axiña chega contra nós o destrutor.

### O Señor dálle autoridade divina ao xuízo negativo do profeta

27Eu constitúote en examinador
do meu pobo,
para que examines a miña cidade
cortada a pico,
para que probes o seu comportamento.
28Todos eles son os máis rebeldes,
impuros coma o bronce e o ferro:
son un fato de desnaturados.
29Moven con forza o fol
para fundir o chumbo;
pero en van fonde o fundidor:
os malvados non se purifican.
30Prata de refugallo hai que chamarlles,
xa que o Señor os refuga.

**6**, 17 A imaxe do vixía para referirse ao profeta, aparece en Is **21**, 6-12; Ez **3**, 16-21; **33**, 1-9; Os **9**, 8; Hab **2**, 1.
**6**, 19 O paralelismo *miñas palabras - miña Lei*, non exclúe entender as palabras como referidas aos oráculos proféticos, pois, segundo as tradicións do Dt, ben coñecidas por Xer, a figura de Moisés era fundamentalmente profética.
**6**, 20 Se Deus refuga o culto, é porque o pobo rexeita a Lei e a palabra profética.
**6**, 27-30 Esta sección está composta dun oráculo vocacional, expresión da conciencia colectiva clarísima de Xer (v. 27) e do seu xuízo negativo sobre o comportamento do pobo de Xerusalén (vv. 28-30). Ten como paralelo o texto de **5**, 11-14; e, coma este texto, ten a función de acabar toda a serie de oráculos de xuízo de castigo desde **5**, 15 ata **6**, 26, ao mesmo tempo que lles dá autoridade divina.
**6**, 28 Lit. "seguen o camiño do bronce...": naquela época estes metais eran impuros.
*Os máis rebeldes*: lit. "rebeldes de rebeldes".
**6**, 29 A imaxe do lume para significar o castigo divino, matiza o castigo como medicinal ou purificador; isto mesmo o confirma o v. 26, no conxunto dun oráculo de xuízo de castigo.

# IV. DISCURSO NA PORTA DO TEMPLO

## O feito de ter o templo non ofrece seguridade aos malvados

**7** [1]Ordes que de parte de Deus recibiu Xeremías:

[2]–Ponte de pé onda a porta do templo, e proclama alí este discurso: Escoitade a palabra do Señor, todo Israel, os que entrades por estas portas para adorar o Señor! [3]Así fala o Señor dos Exércitos, Deus de Israel: Mellorade o voso comportamento e os vosos feitos, e consentirei en que plantedes a tenda neste sagrado. [4]Non vos fiedes das palabras mentireiras que se repiten: "Velaquí o templo do Señor, o templo do Señor, o templo do Señor". [5]Se mellorades a vosa conduta e os vosos feitos; se facedes xustiza entre un home e o seu próximo; [6]se non explotades o estranxeiro, o orfo e a viúva; se non vertedes sangue inocente neste lugar santo, e se non vos ides tras deuses alleos, para a vosa desgraza, [7]eu morarei convosco neste lugar santo, no país que lles dei a vosos pais desde hai tanto tempo e para sempre.

[8]Fiádesvos, en cambio, desas palabras mentireiras sen proveito.[9]E logo non matades, roubades, cometedes adulterios e xurades en falso? Acaso non ofrendades incenso a Baal e ides tras deuses alleos que antes nin coñeciades? [10]E aínda vides presentarvos diante de min neste templo no que se invoca o meu Nome, e dicides: "Estamos salvados", coa intención de seguir facendo todas estas abominacións! [11]Acaso é unha cova de bandidos este templo, onde se invoca en alto o meu Nome aos vosos ollos? Ollade que eu o estou vendo –é o Señor quen fala–. [12]Ide ao meu templo de Xiloh onde nun principio fixen morar o meu Nome e mirade o que lle fixen por causa da ruindade do meu pobo Israel.

[13]Pois agora por facerdes vós todas esas maldades –é o Señor quen fala– e por non me escoitardes, a pesar dos meus oportunos e serios consellos, e por non me responderdes, aínda que vos berrei; [14]por todo iso a este santuario, no que se invoca o meu Nome, no que vós poñedes a vosa confianza, e a este templo que vos dei a vós e a vosos pais, eu fareille o mesmo que antes lle fixen ao templo de Xiloh. [15]Rexeitareivos da miña presenza, o mesmo que rexeitei a todos os vosos irmáns e a toda a descendencia de Efraím.

## Oráculo para prohibirlle ao profeta a intercesión

[16]Ti, non intercedas por este pobo, nin levantes por eles súplica fervente nin oración, pois non me atoparías; eu non estou presente para escoitarte a ti. [17]Acaso non estás vendo o que eles fan nas cidades de Xudá e nas rúas de Xerusalén? [18]Os fillos xuntan os cangos, e os pais préndenlles lume; as mulleres fan a masa, para lle faceren bicas á Raíña dos ceos; ofrecen libacións a deuses alleos para me anoxaren a min. [19]Acaso é a min a quen anoxan? –é o Señor quen fala–. Non é máis ben a si mesmos a quen deshonran, para vergonza das súas caras? [20]Por iso Iavé, o noso

**7**,1-**8**, 3 Este discurso sobre a falsa confianza no templo de Iavé como razón da seguridade de Xudá, ten o seu complemento de referencias históricas no c. **26**, onde os elementos do discurso están moi resumidos. Aquí o discurso enriqueceuse con textos que viñeron doutros lugares (por exemplo **7**, 28).

**7**, 1-15 Este texto contén unha introdución que se ha complementar co c. **26**, onde se indican a súa data (outono do ano 609 ou inverno do 609/8), e a orde divina (v. 2), que nos inclina a pensar na festa das Cabanas do ano 609. A primeira parte do discurso é exhortativa (vv. 3-7). No v. 9 comeza a acusación de inmoralidade e idolatría, subliñada polos interrogantes, que volve inútil e prexudicial o culto e a esperanza no Nome de Iavé. O anuncio de castigo (vv. 12-15) comeza co exemplo histórico da destrución do santuario de Xiloh no ano 1050 polos filisteos (cf Sal **78**, 56-67) e a aplicación do exemplo aos oíntes, para acabar co anuncio da caída do templo de Xerusalén e co rexeitamento do pobo. O texto, aínda que se estrutura como un oráculo de xuízo de castigo, ten un ton de discurso en frases paralelísticas, semellante aos discursos do Dt, nos que Xeremías se formou na súa mocidade.

**7**, 3 *Plantedes a tenda*: sentido etimolóxico do verbo hebreo e probable referencia á festa das Cabanas que están celebrando.

*Sagrado*: o termo "maqom" significa, a máis de lugar, "santuario"; e aquí, os patios ou prazas fortificadas do templo de Xerusalén (cf v. 6).

**7**, 4 A realidade da alianza cos seus compromisos, que tanta importancia tiña en Israel e no Dt, é o fallo que ten a concepción teolóxica oficial de Xudá, cunha teoloxía da elección e das promesas divinas irrevogables: elección de Sión, da monarquía davídica do pobo.

**7**, 10 O *Nome* é o dinamismo ou a presenza e actuación poderosa e salvífica de Iavé, que responde deste xeito á invocación do seu Nome. O profeta recórdalles que a actuación salvífica de Iavé supón unha actitude de obediencia e fidelidade á alianza.

**7**, 13 *Oportunos e serios consellos*: ese é o sentido dos dous infinitivos absolutos que se empregan.

**7**, 16-20 A festa das Cabanas era a festa de acción de grazas polas últimas colleitas, e de esperanza na bendición de Deus (cf Dt **16**, 15b). Por isto a intercesión do profeta é lóxica, por ser un dos seus cometidos. Pero Deus prohíbello, e o profeta dío como introdución dun oráculo de castigo.

**7**, 18 *Raíña dos ceos*, título babilónico da deusa Ixtar, a Axerah cananea, de onde vén o culto grego a Afrodita.

Señor Iavé, fala deste xeito: Ollade que a miña ira e a miña carraxe se van verter neste templo, nos homes e nos gandos, nas árbores do campo e nos froitos da terra, o meu furor e a miña ira arderán sen apagarse.

**O culto, sen obediencia, non agrada ao Señor**

21Así fala o Señor dos exércitos, o Deus de Israel:

–Engadide holocaustos aos vosos sacrificios: comede a súa carne. 22Ollade que cando saquei os vosos pais do país de Exipto, non lles falei, nin lles impuxen ningunha obrigación de holocaustos e de sacrificios, 23senón que foi este o precepto que lles impuxen: Escoitade a miña voz: Eu serei o voso Deus, e vós seredes o meu pobo; camiñade polo vieiro que vos mando, para que vos vaia ben. 24Pero non fixeron caso, nin prestaron atención, senón que se comportaron conforme os seus plans, conforme a dureza do seu ruín corazón: déronme as costas, e non a cara. 25Desde o día en que saíron de Exipto vosos pais ata hoxe, estívenvos mandando aos meus servos, os profetas: mandéivolos cedo e a tempo, 26pero non fixeron caso, nin me prestaron atención, senón que endureceron a súa testa, volvéndose peores ca os seus pais. 27Xa lles podes repetir todo este discurso, que non te escoitarán; xa lles podes berrar, que non che responderán.

28Haslles dicir: "Este é o pobo, que non fixo caso da voz do Señor, o seu Deus, nin dá aprendido. Perdeuse a fidelidade, arrincáronllela da boca". 29Corta os cabelos da túa consagración e bótaos fóra, entoa unha elexía ante os dous traveseiros da túa lareira, porque o Señor refugou e abandonou, anoxado, a esta xeración. 30Fixeron o mal á miña vista os fillos de Xudá –é o Señor quen fala–. Profanaron con cousas abominables o templo onde se invoca o meu Nome; 31ergueron os altares de Tófet, no val de Ben Hinnom, para queimar no lume os seus fillos e fillas, algo que nin eu mandei, nin me pasou pola cabeza. 32Por isto, ollade que están chegando os días –é o Señor quen fala– nos que xa non se nomeará o Tófet, nin o val de Ben Hinnom: chamarase o val da Morte, pois faranse enterramentos en Tófet, por falta de sepultura. 33Os cadáveres deste pobo serán carnaza, para os paxaros do ceo e para as bestas da terra, sen que ninguén os espante. 34Nas cidades de Xudá e nas rúas de Xerusalén, farei calar os aturuxos de ledicia e os berros de felicidade, os cantos do mozo e mais os da moza, pois o país volverase un deserto.

**8** 1No tempo aquel –é o Señor quen fala– sacarán das súas sepulturas os ósos dos reis de Xudá e dos seus príncipes, os ósos dos sacerdotes e dos profetas, e mais os ósos dos habitantes de Xerusalén; 2estenderanos á luz do sol e á claridade da lúa, e ao brillo de todas as estrelas do ceo, ás que tanto quixeron, ao servizo das que se puxeron, tras as que camiñaron, as que espreitaron e adoraron. Os ósos non se xuntarán nin serán enterrados, servirán de esterco por riba da terra. 3A morte será preferible á vida para todo o resto: para os superviventes desta caste perversa, e para os de todos os lugares a onde eu os expulso –é o Señor dos Exércitos quen fala.

**7**, 21-28 Oráculo de acusación do falso culto do pobo, pois o v. 28c dificilmente se pode considerar un anuncio de castigo, xa que a fidelidade de que se trata é a fidelidade á Lei e á palabra profética (cf v. 25). O texto comeza cunhas ordes divinas imperativas en ton sarcástico, pois a carne dos holocaustos non se podía comer. O profeta fundamenta o seu sarcasmo nos feitos teolóxicos do Éxodo: Deus non impuxo obrigación de sacrificios, senón de obediencia á norma moral revelada por El (vv. 21-23); pero o pobo nin lle fixera caso á voz do Deus nin ás palabras dos profetas: por iso tampouco lle farán caso a Xeremías. Os sacrificios do pobo non son relixiosamente válidos, porque non son expresión da fidelidade do pobo ao Señor.

**7**, 28 *Nin dá aprendido*: refírese a que o pobo non acepta como chamada á conversión a interpretación profética das dificultades e desastres.

**7**, 29-**8**, 3 O v. 29 é un anaco dunha elexía, na que o profeta se dirixe a Xerusalén, personificado nunha muller que era "nazir", consagrada ao Señor. Ha de cortar o cabelo (sinal da súa consagración e dignidade), pois ha facer dó polo desastre que está a vir. A función deste v. é expresar a magnitude do desastre, o que ha de facer o loito máis radical. O texto que segue é un oráculo de xuízo de castigo: acusación (vv. 30-31) e anuncio de castigo dobre (vv. 32-34 e **8**, 1-3), marcados polas frases "están chegando os días" (v. 32) e "no tempo aquel" (**8**, 1).

**7**, 31 *Tófet*: lareira ou altar, como lugar de culto a Baal. O val de Ben Hinnom comeza debaixo do monte Sión cara ao leste de Xerusalén, e nel practicáronse cultos a Baal (cf 2 Re **23**, 10).

**7**, 32 O val do culto pagán volverase val da Morte, e polo tanto execrado: máis ca de enterramentos trátase do abandono de cadáveres.

**7**, 33 Deixar o cadáver insepulto era a maior desgraza que podía acontecer, pois nos ósos conservábase o "rúah" nunha vida de letargo, e onde hai "rúah" hai esperanza de vida e hai existencia persoal. A mesma expresión de desgraza inseparable aparece a miúdo na Ilíada.

**8**, 1-3 Este segundo anuncio de castigo pódese considerar unha ampliación de **7**, 33, pois desenterrar é turbar o letargo do "rúah", equivalía a profanar o cadáver e facer desaparecer o "rúah" persoal. Aínda que esta concepción é común ao mundo semita e homérico, o A. T. asumiuna como base filosófica das súas concepcións da vida do máis alá, e está na base da fe na "resurrección da carne".

# V. SERIE DE PEQUENAS UNIDADES LITERARIAS

**Refugan converterse**

4 Haslles dicir:
Así fala o Señor:
Caen e non se erguen?
Apostata o pobo e non se converte?
5 Por que apostata este pobo?
Por que Xerusalén se pon
á fronte da apostasía?
Empéñanse en traizoarme,
refugan converterse.
6 Prestei atención e escoitei:
falan o que non é,
non hai quen se arrepinta
da súa ruindade,
non hai quen diga: "Que fixen!".
Ollade: ninguén volve ao seu fervor,
como non dá volta o cabalo
lanzado á guerra.
7 As cegoñas do ceo coñecen todas
o tempo da súa volta,
as rulas, as andoriñas e os grous
volven no seu tempo;
pero o meu pobo
non recoñece o mandato do Señor.

**Ao rexeitaren a Palabra do Señor, a sabedoría e a Lei vólvense mentira**

8 Con que dereito dicides: "Somos sabios,
temos connosco a Lei do Señor?".
Ollade: vólvese mentira
a realidade da Lei,
pois os seus peritos pregoan a falsidade.
9 Avergónzanse os sabios,
espavorecen e caen prisioneiros.
Velaquí, rexeitaron a Palabra do Señor!
Que clase de saber é o que teñen?

**Oráculo de castigo contra os dirixentes**

10 Por isto entregarei as súas mulleres
aos estranxeiros,
as súas tenzas aos conquistadores;
xa que do máis pequeno
ata o máis grande
consómense cobizando o alleo,
desde o profeta ata o sacerdote
consómense facendo enganos.
11 Queren curar a ruína do meu pobo
dun xeito fácil, dicíndolle:
"Paz, felicidade". Pero non hai paz.
12 Que se avergoncen,
pois fixeron o abominable;
pero nin se avergonzan,
nin saben o que é a vergonza.
Por isto caerán cos que han caer;
cando eu lles pida contas, irán á ruína
–é o Señor quen o di.

**Elexía do círculo profético polo castigo contra Xerusalén**

13 Teño que facer neles a colleita
–é o Señor quen fala–:
non hai acios na viña
nin figos na figueira;
teñen as follas secas;
entregareinos e fareinos desaparecer.
14 Que facemos nós aquí sentados?
Xuntémonos,
subamos ás cidades amuralladas,

**8**, 4-**9**, 24 Esta sección recolle pequenas unidades pouco vinculadas entre si, nas que os temas máis frecuentes son a impenitencia culpable do pobo e as súas tráxicas consecuencias, e tamén os tons de terror, desesperación e desgarrada lamentación.
**8**, 4-7 Oráculo de acusación da impenitencia ou falta de conversión do pobo. O texto ten tres partes: a) vv. 4-5, introducidos pola fórmula oracular; b) v. 6, onde o profeta di escoitar o comentario do mesmo Iavé no "sod" ou asemblea divina; e c) vv. 6-7, que veñen ser un comentario do profeta, con imaxes collidas do mundo animal.
**8**, 4 O pecado considérase como unha caída, ou como coller a dirección oposta á debida. Por iso, a conversión é un erguerse ou un volver.
**8**, 6 *Ninguén volve ao seu fervor*: ninguén se arrepinte, buscando o seu propio ben.
**8**, 7 Os animais migratorios saben cando volver, pero o pobo está peor: non recoñece que Deus lle manda volver a El.
**8**, 8-9 Coidamos que trata da polémica entre o profeta (home da palabra de Iavé) e os escribas, que aplicaban a Lei do Señor aos casos de apelación e se consideraban sabios. A historia é a que resolve a cuestión: a pura aplicación da Lei volve a Lei unha mentira, un fracaso, pois os escribas avergónzanse. Ao rexeitar a obediencia á Palabra de Deus, o seu saber perde a raíz (o temor do Señor), e por isto é unha mentira.
**8**, 10-12 Este texto é paralelo de **6**, 12-15, onde ten un contexto máis axeitado. Posiblemente foi traído aquí para concretar o fracaso dos sabios da Lei ou escribas; pero téñase en conta que o texto dos vv. 8-9 non é unha acusación oracular: por isto non lle cae moi axeitada a secuencia dun oráculo de castigo.
**8**, 13-17 Este texto é unha elexía do grupo de discípulos do profeta (vv. 14-16) enmarcado polos vv. 13 e 17, que forman dous oráculos: o do v. 13, de xuízo de castigo; e o v. 17, de castigo (sen acusación).
**8**, 13 O tema da colleita, vendima ou seitura, é tradicional na literatura profética e apocalíptica para indicar o xuízo de Deus; aquí non soamente non teñen froitos, senón que teñen as follas secas.
**8**, 14 *Bágoas dos nosos ollos*: lit. "auga da cabeza", que, polo contexto anterior, se refire ás bágoas.

fagamos loito alí porque o Señor,
noso Deus, nolo manda facer;
mándanos beber as bágoas
dos nosos ollos,
xa que pecamos contra El.
15Esperamos confiados a paz,
e non hai ningún ben;
esperamos o tempo da cura,
e chega o terror.
16Desde Dan óese o rincho dos seus cabalos;
cos rinchos dos seus corceis
estremécese toda a capital;
entran e devoran a capital
e os seus moradores,
a cidade e mais os seus habitantes.
17Ollade: eu mando contra vós
serpes velenosas,
para as que non hai encantamento posible,
senón que vos morderán
–é o Señor quen fala.

**Elexía do profeta pola deportación do ano 598/597**

18Do meu fígado sobe a tristeza,
sobe do meu corazón o desacougo.
19Berros de socorro
para a filla do meu pobo
veñen da capital dos estranxeiros:
"E logo non está o Señor en Sión?
Acaso non está alí o seu Rei?".
Por que me aldraxaron cos seus ídolos,
coas vaidades do culto estranxeiro?
20Pasou a seitura, acabouse o verán,
pero nós non fomos salvados.
21Ando eu aflito pola angustia
da filla do meu pobo,
estou triste, o pavor atenázame.
22Non hai bálsamo en Galaad?
Non hai alí curandeiro?
Como é que non cerra a ferida
da filla do meu pobo?
23Quen lle dera bágoas ao meu rostro,
aos meus ollos unha fonte de bágoas!,
para chorar día e noite as profanacións
da filla do meu pobo.

**Tentación de Xeremías de abandonar o pobo**

**9** 1Quen me dera no deserto
unha pousada de arrieiros,
para deixar o meu pobo e afastarme deles,
pois son todos uns adúlteros,
unha banda de traidores.
2Manexan coma un arco a súa lingua,
a mentira prevalece sobre a verdade,
e dominan o país,
pois dunha maldade pasan a outra,
pero e a min non me recoñecen
–é o Señor quen fala–.
3Gardádevos cada un do seu veciño,
non confíe ninguén no seu irmán,
pois todos os irmáns enganan
e todos os veciños calumnian.
4Os veciños adúlanse entre eles,
pero ninguén di a verdade;
adestran as súas linguas para a mentira,
cánsanse de cometer iniquidades.
5Devolven inxuria por inxuria,
traizón por traizón,
refugan recoñecerme a min
–é o Señor quen fala–.
6Por isto así fala o Señor dos Exércitos:
Ollade: eu heinos de castigar e probar.
Como os tratarei
diante da filla do meu pobo!
7A súa lingua é frecha mortífera,
cada un di traizóns coa súa boca,
e saúda coa "paz" ao seu veciño,
pero no seu corazón estalle poñendo
unha emboscada.
8Destas cousas non lles vou pedir contas?,
–é o Señor quen fala–;
dun pobo coma este
non vou eu tomar vinganza?

**8**, 18-23 Trátase dunha elexía de Xeremías, que supón a deportación dalgúns xudeus a Babilonia (v. 19a-b), quizais a deportación do 598/7 (cf **35**, 11; 2 Re **24**, 2). O texto comeza con expresións da dor do profeta por mor desta deportación (vv. 18-19b). A dor do profeta ten unha resposta divina en forma de pregunta: por que...? (v. 19c), na que se motiva o desastre na idolatría do pobo. No v. 20 dóense os deportados do seu desastre; e nos vv. 21-23, segue a elexía profética.

**8**, 18 O balanceo paralelístico do fígado (raíz dos sentimentos de tristeza) co corazón (raíz dos plans e proxectos) quere significar que o mal do profeta é consecuencia de non lle ver saída á situación, pois o Señor non escoita aos deportados debido á xeneralización da idolatría.

**8**, 22 *Non cerra a ferida*: lit. "non sobe a carne nova da ferida".

**8**, 23 *Profanacións*: o profeta expresa claramente que a raíz do desastre da deportación está no desprezo feito a Iavé coa idolatría e coa falta de obediencia.

**9**, 1-8 Elexía profética polo pobo, na que o profeta expresa a tentación de abandonalo, pola falsidade, mentira e traizón xeneralizadas (vv. 1 b-5). O v. 6 é o anuncio de castigo, expresado en termos de purificación, mediante o sufrimento. No v. 7, o profeta volve ás mesmas acusacións de corrupción social, para acabar no v. 8 cun anuncio de castigo.

**9**, 2 *Prevalece*: en vez de ler no hebreo "weló" (= "e non"), débese ler "welaá", co sentido de prevalecer, ser forte, poderoso.

**9**, 6 *A filla do meu pobo*: a cidade de Xerusalén como complexo urbano.

**Elexía pola futura ruína do pobo**

9 Desde o alto dos montes
entoarei pranto e lamento,
desde as carpaceiras do descampado
entoarei elexías,
pois mesmo os paxaros marcharon,
fuxiron os animais.
10 Converterei Xerusalén
nunha morea de ruínas,
en cova de serpes monstruosas,
arrasarei as cidades de Xudá;
non quedará un habitante.

11 Quen é o sabio? Quen entende disto?
A quen lle falou a boca do Señor?
Que responda:
Por que se arruína o país?
Por que está feito unha desolación,
un deserto polo que ninguén pode pasar?
12 Repuxo o Señor, o Altísimo:
Eles abandonaron a Lei,
que eu puxen ante os seus ollos,
non fixeron caso da miña voz,
nin camiñaron conforme ela;
13 antes ben, seguiron a teima
do seu corazón,
seguiron tras os baais,
que seus pais lles aprenderan.
14 Por isto así fala o Señor
dos Exércitos, o Deus de Israel:
Velaquí que eu lle hei dar a este pobo
o asente por comida,
heilles dar bágoas por bebida.
15 Dispersareinos entre pobos
que nin eles nin seus pais coñeceron;
mandarei tras eles a espada,
de novo os destruirei.

**Elexía pola ruína do pobo**

16 Así fala o Señor dos Exércitos:
Avisade, chamade as carpideiras,
que veñan, mandádelles recado
polas mulleres máis sabias, que veñan!
17 Que veñan a toda présa
e entoen un pranto por nós,
que os nosos ollos
se desfagan coas bágoas,
que as nosas pálpebras chorreen auga.
18 Escóitase o canto dunha elexía desde Sión:
"Que arruinados estamos!
Que vergonza tremenda para nós!
Velaquí, temos que deixar o país,
bótannos dos nosos lares".
19 Escoitade, mulleres, a palabra de Deus,
achegade o oído ás palabras da súa boca,
aprendédelles ás vosas fillas
un canto de loito,
cada unha que lle aprenda
á súa veciña o pranto:
20 "Subiu a Morte polas nosas fiestras,
entrou nas nosas torres,
para arrincar os rapaces das rúas
e os mozos das prazas".
21 Cantade así –é o Señor quen fala–:
Hai un estrume de cadáveres de homes,
coma o esterco na herdade,
coma os monllos detrás dos segadores;
non hai quen os recolla.

**A soberbia humana e a estima do Señor**

22 Así fala o Señor:
Que non se ensoberbeza o sabio
da súa sabedoría,
que non faga alarde o forzudo
da súa forza,

**9**, 9-10 Esta unidade está composta dunha elexía do profeta (v. 9) e dun anuncio de castigo (v. 10). A falta de fórmula oracular para introducir o anuncio de castigo, fai supor que o devandito anuncio é obra da palabra do profeta, cargada de dinamismo divino.
**9**, 10 *Serpes monstruosas*: o termo heb. "tannim" aparece en ugarítico en paralelo co Leviatán, a serpe mariña autora da desorde cósmica, no contexto dunha cidade esborrallada coa presenza de serpes, non dos chacais, como outros autores supoñen.
**9**, 11-15 Esta unidade comeza cunha serie de interrogantes (v. 11), que teñen por finalidade salientar a transcendencia do coñecemento que Deus comunica ao profeta, pois soamente o profeta dá resposta no nome de Deus á pregunta do porque se arruína o país. Os vv. 12-13 constitúen a acusación, froito da revelación divina; e os vv. 14-15 son o anuncio de castigo.
**9**, 12 *O Altísimo*: heb. "al", que, coma "elion", é un título divino que subliña a transcendencia de Iavé.
**9**, 15 *De novo*: preferimos a lectura "od" (= de novo) á dos masoretas ("ad" = ata).
**9**, 16-21 Esta unidade é unha elexía, que vén posta na boca das carpideiras (vv. 16-17. 18); pero é Iavé quen manda que as chamen (no oráculo do v. 16). A vontade divina deste canto, responde ao desexo do grupo profético (o profeta e os seus discípulos) de correr a carón delas (vv. 17-18a). Os vv. 18b-21 constitúen o canto da elexía, remarcando no v. 21 a consonancia da elexía coa vontade de Deus (cf tamén o v. 16).
**9**, 20 *Morte*: non é o feito de morrer, senón a divindade mítica portadora da morte, que penetra nas familias, ás que priva dos rapaces e dos mozos máis escollidos.
**9**, 22-23 Este texto é froito dunha reflexión profético-sapiencial sobre a sorte dos membros do seu pobo no momento da deportación do 598/7. Só os que confiaban no Señor e non nos seus haberes e na súa sabedoría, tiveron éxito.

que non faga gala o rico
da súa riqueza.
[23]Se alguén se quere ensoberbecer,
que se ensoberbeza disto:
de apreciarme e terme en estima a min,
pois eu son o Señor,
que obra a misericordia,
e exerce o xuízo e a xustiza na terra.
Nestes é en quen eu me comprazo
–é o Señor quen fala–.
[24]Mirade: están chegando os días
–é o Señor quen fala–
nos que lles pedirei contas
a todos os circuncisos das súas impurezas,
[25]a Exipto, a Xudá e a Edom,
aos ammonitas e a Moab,
a todos os que teñen a cabeza rapada
polos lados e viven no deserto,
(pois todos estes pobos son incircuncisos,
pero todo Israel ten sen circuncidar
o corazón).

**10** [1]Escoitade as palabras que vos di o Señor, casa de Israel:
[2]Así fala o Señor:
Non aprendades o comportamento
dos xentís,
non lles teñades medo aos sinais do ceo;
os xentís si que lles teñen medo.
[3]A relixión dos xentís: que cousa baleira!
Cortan unha árbore na bouza,
trabállana con gubia as mans dun artista,
[4]adórnana con prata e con ouro,
asegúrana con cravos e martelo
para que non se mova.
[5]Fan abominacións na súa presenza,
pero eses deuses
non responden co castigo;
levántanos, pero non camiñan;
non lles teñades medo,
porque non fan mal,
e tampouco nada lles fai ben.
[6]O seu aniquilador es ti, Señor,
ti es grande, e grande é o teu Nome.
Polo teu poder [7]quen non te respectará
a ti, Rei dos xentís?
Que ben che acae o teu poder!
Entre os sabios dos xentís
e entre todos os reis,
que aniquilador hai coma ti?
[8]Son todos necios e aparvados:
insensatos aos que congrega
unha madeira.
[9]Traen follas de prata de Tárxix,
e ouro de Ofir:
traballo de artistas, mans de fundidor,
vestidos de púrpura violeta
e púrpura vermella,
todos eles obra de expertos.

[10]En troques, Iavé é o Deus da firmeza,
El é o Deus da vida eterna, o Rei eterno;
coa súa ira estremécese a terra,
os pobos non son capaces
de aguantar a súa carraxe.
[11]Por iso habédeslles dicir:
Os deuses que non fixeron
o ceo nin a terra
desaparecerán da terra
e de debaixo do ceo.

[12]Fixo a terra co seu poder,
fixo existir os campos coa súa sabedoría,
e coa súa intelixencia estendeu o ceo.
[13]Dá el un berro,
e retumban as augas no ceo,
fai subir as nubes desde o cabo da terra,
fai que os lóstregos se volvan chuvia
e fai saír das súas arcas o vento.
[14]Queda abraiado todo home
polo que está vendo,
todo fundidor se avergonza
dos seus ídolos,
pois as súas imaxes son mentira,
non teñen espírito en si,
[15]son unha cousa va,
produto dunha burla,

**9**, 23 *Apreciarme*: un dos sentidos do verbo "sakal", na forma causativa. A compracencia do Señor nos que estiman o modo de comportarse Deus é o que xustifica a súa seguridade.
**10**, 1-16 Este texto é moi próximo aos textos exílicos de Is **40**, 18-20; **41**, 6-7; **44**, 9-20; **46**, 5-7 e aos textos postexílicos do Sal **115**, 4-8 e Bar **6**. Debe ser obra dos discípulos deuteronomistas que organizaron os escritos de Xer durante o desterro babilónico. Comeza cunha introdución oracular (vv. 1-2a), presentando como divina a prohibición da idolatría; logo seguen alternándose textos da polémica anti-idolátrica (vv. 2b-5. 9. 14-15) e elementos característicos dos himnos a Iavé (vv. 6-7; 10-13. 16), nos que non se esquece a polémica anti-idolátrica.
**10**, 2 *Os sinais do ceo*, son referencia ao culto astral babilónico.
**10**, 6 *Aniquilador*: título de Iavé, como no v. 7 "Rei dos Xentís".
**10**, 10 *Vida eterna* (heb. "haiim"), non é un plural (= viventes), senón o substantivo "hai" co sentido de "vida eterna", como pide o título divino "Rei eterno", que segue.
**10**, 11 Este v. está en lingua aramea, e é unha glosa posterior, que recolle a profesión de fe anti-idolátrica.
**10**, 14 *Está vendo*. O vocábulo hebreo empregado, ten aquí o sentido de coñecemento de algo concreto: por iso o traducimos así.

perecerán o día que se lles pidan contas.
16 Non é coma elas o Deus
que lle tocou a Xacob,
pois El é o creador de todo:
Israel é a tribo da súa herdanza.
O seu nome é Señor dos Exércitos.

**Lamentación e oración no momento do asedio**

17 Amorea xente na cidade humillada,
pois vivirás no asedio.
18 Así fala o Señor:
Velaquí que esta vez tirareilles pedras
aos habitantes da cidade,
farei que os cerquen ata que os collan.
19 Ai de min! Quebranto é a miña paga,
a ferida é a miña herdanza.
Mais dixen para min:
"Coidarei a ferida, soportareina".
20 A miña tenda está destruída,
todas as súas cordas están arrincadas,
os meus fillos escaparon de min
e xa non existen;
non hai quen estenda de novo
a miña tenda,
quen erga as miñas lonas.
21 Velaquí os pastores: están parvos,
xa non buscan a Deus,
por isto non dan tino
e todo o seu rabaño anda disperso.
22 Velaquí: está chegando
o ruído que oístes,
o grande boureo desde o país do norte,
para converter en desolación
as cidades de Xudá,
en escondedoiro de serpes.

23 Xa sei, Señor, que o home
non é dono do seu camiñar,
e que ninguén é capaz de marchar
e asegurar os seus pasos.
24 Corríxeme, Señor,
pero con xeito, non con ira:
se non, vólvesme á nada.
25 Desafoga a túa ira
contra os pobos que non te recoñecen,
contra as tribos
que non invocan o teu Nome;
pois quixeron devorar a Xacob,
devoralo e facelo desaparecer
e esnaquizaron os seus lares.

**Xeremías, portavoz e defensor da Alianza**

**11** 1 Palabra que de parte do Señor recibiu Xeremías:
2 –Escoitade os termos desta alianza, proclamádeos a cada un dos xudeus, e aos habitantes de Xerusalén.
3 Haslles dicir: Así fala o Señor, o Deus de Israel: Maldito o home que non fai caso dos termos desta alianza, 4 que eu mandei a vosos pais o día en que os saquei do país de Exipto, dun forno de fundir ferro, dicíndolles: "Facédelle caso á miña voz, e poñede por obra o que vos indico, conforme a todo o que vos mandei: así seredes para min o meu pobo, e

**10**, 16 *O Deus que lle tocou...*: lit. "A parte de Xacob". *O creador de todo*: o verbo hebreo "iasar" significa "formar", e equivale a dar a vida, a existencia.
**10**, 17-25 Une os diversos xéneros literarios do texto o asedio e caída de Xerusalén. O oráculo de castigo (vv. 17-18), provoca unha elexía de parte da mesma cidade personificada (vv. 19-20), e de parte do profeta unha acusación dirixida contra os responsables do pobo (v. 21). Segue un anuncio de castigo (v. 22), para acabar cunha oración posta na boca de Xerusalén (vv. 23-25), que supón a inmediatez do castigo. Por iso parece que o texto puido moi ben ser unha liturxia de lamentación, se non colectiva, ao menos realizada no círculo profético.
**10**, 18 *Tirareilles pedras*, no sentido de tirárllelas coa tirafonda.
**10**, 20 A correspondencia "cidade (Xerusalén) - tenda de nómades", pasa pola imaxe da cidade coma nai do seu pobo.
**10**, 21 *Os pastores* son os dirixentes do pobo.
**10**, 23 O sentido deste v. aproveitouno a teoloxía católica para afirmar a necesidade das grazas actuais para o cumprimento moral, respondendo con fidelidade aos divinos mandatos.
**10**, 25 O texto deste v. aparece no Salmo **79**, 6-7, que data do exilio, polo que algúns autores consideran o v. como un engadido exílico.
**11**, 1-17 Os vv. 1-5 forman un oráculo no que o Señor constitúe o profeta en portavoz da alianza para os xudeus nos seus termos de maldición (vv. 3-4a), e bendición ou cumprimento da promesa (vv. 4b-5). Os vv. 6-8, cun oráculo, repiten a encomenda do Señor ao profeta, na que se deixa claro que a execución da maldición xa foi real na vida dos pais, o que sen dúbida se refire á desaparición do reino de Israel como confederación de tribos. Os vv. 9-10 recollen unha acusación de idolatría dirixida contra Xudá e Xerusalén, pola que segue o anuncio de castigo dos vv. 11-12; pero a exemplarización ou tipificación da acusación e do castigo realízanse nos vv. 13 e 14, en vez de seguir á acusación e ao anuncio de castigo. Sorprende que a tipificación do anuncio do castigo sexa a prohibición feita ao profeta de interceder polo pobo, (cf **7**, 16; **14**, 11; Ex **32**, 10), cousa que, tendo en conta a concepción semítica e xudía do valor da intercesión profética, resulta clara. Por outra banda, o texto no que se lle prohibe ao profeta interceder polo pobo prepara a inserción da nova acusación do v. 15 (en forma poética), na que con enfáticas interrogacións se fai sarcasmo co culto van do pobo, seguindo un anuncio de castigo (vv. 16b-17a) co seu contraste de bendicións divinas (v. 16a), para acabar repetindo as mesmas acusacións de idolatría. Os vv. 1-14, son do mesmo estilo dos discursos do Dt, nos que Xeremías se formou.
**11**, 3 *Maldito*. A conclusión ou renovación da Alianza acaba cunha serie de bendicións e maldicións (cf Dt **27**, 15-26; **28**, 1-69).
**11**, 4 *O que vos indico*. Refírese aos dez mandamentos, dados ao saír de Exipto, no Sinaí.

eu serei para vós o voso Deus”. 5Deste xeito
cumprirei a promesa que con xuramento fi-
xen a vosos pais, de darlles para eles a terra
que deita leite e mel, coma o día de hoxe.
E eu repuxen dicindo: –De acordo, Señor.
6Logo o Señor díxome: –Proclama todas
estas palabras nas cidades de Xudá, e nas
rúas de Xerusalén, dicíndolles: Facédelles
caso aos termos desta alianza e poñede por
obra o que vos indico. 7Ben llelo declarei so-
lemnemente a vosos pais, desde o día en que
os fixen subir do país de Exipto e ata o día
de hoxe, encargándolles e recomendándolles
que me escoiten. 8Pero non me escoitaron nin
me fixeron caso, senón que cada un seguiu as
apetencias do seu corazón ruín. Por isto eu
trouxen contra eles todas as maldicións desta
alianza, que lles mandei poñer por obra e non
puxeron.
9Díxome o Señor: –Hai confabulación
contra min entre cada un dos xudeus e dos
habitantes de Xerusalén. 10Volveron ás ini-
quidades de seus pais, que refugaron facer
caso ás miñas palabras. Fóronse tras deuses
alleos para lles daren culto. O reino de Xudá
e mais o reino de Israel romperon a miña
alianza, a que eu fixen cos seus devanceiros.
11Por isto así fala o Señor: Velaquí que eu
mandarei contra eles un desastre do que non
serán capaces de fuxir: a gritos pediranme
axuda, pero eu non os hei escoitar. 12Entón
as cidades de Xudá e mais os habitantes de
Xerusalén irán pedir axuda aos deuses, aos
que ofrendaron sacrificios de incenso; pero
eses deuses non serán capaces de salvalos da
súa situación de desastre. 13Velaquí o número
das túas cidades: ese é tamén o número dos
teus deuses, Xudá; segundo o número das
rúas de Xerusalén, así erguestes altares das
vergonzas, para ofrecer sacrificios de incenso
a Baal. 14E ti non intercedas en favor deste
pobo, nin eleves clamores nin oracións en
favor deles. Has saber que non serei eu quen
faga caso, cando ti me clames en favor deles,
mentres siga a súa ruindade.

15Que fai a miña amiga no meu templo?
Cumprir os seus propósitos?
Acaso a graxa e mais a carne sacrificada
farán desaparecer as túas débedas?
Mira o mal que fixeches.
Valo celebrar entón con solemnidade!
16“Oliveira frondosa e bonita,
froito que brilla”;
chamouche Deus con ese nome,
anuncio dun pobo grande.
O lume prende na súa follaxe
e esgállanse as ramas.
17O Señor dos Exércitos que te plantou,
anuncia contra ti unha calamidade,
por causa da maldade do reino de Israel
e do reino de Xudá,
maldade que fixeron contra si mesmos;
si, anoxáronme a min
ofrecéndolle o incenso a Baal.

**11**, 5 *Que deita leite e mel*: cualificativo da terra prometida, que o Señor concede a Israel.
**11**, 13 *Vergonzas*: eufemismo, en paralelo con Baal, a divindade masculina da fecundidade.
**11**, 15 *A miña amiga*: título do pobo, referido á alianza, empregado con ironía.
**11**, 16 *Oliveira frondosa*: título do pobo que serve a Iavé no culto, pois, segundo Sal **52**, 10 e **92**, 13, había nos patios do templo oliveiras que representaban o pobo que alí se facía presente.
**11**, 18-**12**, 6 A confabulación do pobo contra o profeta non se debe á súa colaboración na reforma cúltica de Ioxías, ao suprimir o culto no santuario ao que acudían os veciños de Anatot. O ambiente do texto supón a proximidade ás datas das invasións caldeas. Por outra banda, o profeta fala, en **11**, 20, do seu preito (“rib”), que dificilmente se pode entender da unificación do lugar de culto. Que preito pode ter o profeta coa súa familia?: de herdanza de bens, pois en **32**, 6ss trátase tamén do rescate dunhas fincas que lle pertencen a el por dereito; de feito, nas pretensións dos parentes (**11**, 21), o que se lle pide é que deixe de profetizar, para evitar a súa morte: o que queren é que traballe as terras, cousa que supón que non o fai, pois é solteiro (cf **16**, 2ss) e dedícase á vida profética; sen dúbida a razón é que lle cedeu as fincas a algún parente contra as pretensións do seu irmán (**12**, 6), ou polos dereitos de primoxenitura (cf **32**, 6ss). A razón fundamental desta interpretación é que uns textos de marcado carácter autobiográfico (**11**, 18-**12**, 6) están vinculados cun texto (**12**, 7-13), no que o sufrimento do profeta pola perda da súa herdanza é sinal do sufrimento de Iavé pola perda da súa, pois o vocabulario metafórico case sempre ten este duplo significado.

# SIMBOLISMO TEOLÓXICO DA CONFABULACIÓN CONTRA XEREMÍAS

### 1. O Señor descóbrelle ao profeta a confabulación contra el

18 O Señor mostroumo,
e entón comprendino,
fíxome ver os seus feitos.
19 Eu era coma año manso levado á morte,
e non me daba conta de que tramaban
maquinacións contra min:
"Cortemos a árbore no seu vigor,
arrinquémola da súa terra vital,
que non se lembre
o seu nome endexamais".
20 Señor dos Exércitos,
ti que xulgas con xustiza,
ti que pos á proba as entrañas
e mais o corazón:
que eu vexa a vinganza
que ti tomas contra eles,
pois a ti che confiei o meu preito.
21 Por isto, así fala o Señor
contra os homes de Anatot:
Estes están buscando matarte,
dicíndoche:
"Deixa de profetizar no nome
do Señor dos Exércitos,
e así non morrerás nas nosas mans".
22 Por isto así fala o Señor dos Exércitos:
Sabédeo, eu voulles pedir contas:
os mozos morrerán a espada,
os seus fillos e fillas morrerán de fame;
23 deles non quedará nin resto,
pois heilles mandar unha desgraza
aos homes de Anatot,
o ano en que lles pida as contas.

### 2. Cuestións do profeta sobre o éxito dos malvados

**12** 1 Señor, se eu che poño preito,
ti tes sempre razón,
pero quero expoñerche unhas cuestións:
Por que ten éxito o comportamento
dos malvados?
Por que viven tranquilos
todos os traidores?
2 Ti plántalos, e eles botan raíces,
medran e dan froitos;
ti estás preto dos seus labios,
pero lonxe dos seus sentimentos.
3 En troques, ti coñécesme ben,
estasme vendo,
ti pescudas a miña actitude contigo.
Ponos á parte coma cordeiros
para a matanza.
Sepáraos para o día da desfeita.
4 Cánto tempo aínda estará
en tristura a cidade
e as herbiñas de todos os campos
requeimadas?
Pola ruindade dos seus habitantes
a cidade está privada
de gando e de paxaros, pois din:
"O Señor non pode ver a nosa fin".
5 Se correndo cos soldados de infantería,
eles te vencen,
como vas competir cos de cabalaría?
Se nunha cidade tranquila vives confiado,
como te comportarías no alto do Xordán?
6 Pois velaquí a razón:
teu irmán e mais a familia de teu pai
traizóante abertamente,
a gritos chaman tras ti, si, a gritos.

**11**, 18-23 O Señor revélalle ao profeta que están confabulando contra El (vv. 18-19). Segue unha oración imprecatoria do profeta (v. 20), e a resposta do Señor, anunciando o castigo dos veciños de Anatot (vv. 21-23).

**11**, 19 As dúas imaxes, a da árbore e a da terra vital, aluden ao feito de apartar o profeta das súas posesións e da súa casa.

**11**, 20 O home relixioso ten posta a súa confianza en Deus. El é o xusto xuíz, que compensa as consecuencias dos erros e ruindades dos homes.

**12**, 1-6 O profeta, nun campo intermedio entre a oración e a discusión con Deus, presenta o problema do éxito dos malvados, con motivo do seu caso (v. 3), fronte aos dirixentes impíos; posta a súa causa, está a mesma terra recibindo castigo (v. 4). Nos vv. 5 e 6, preséntase a resposta ao problema persoal do profeta, primeiro en imaxes e logo en linguaxe directa (v. 6), deixando a resposta ao problema xeral para o poema que segue.

**12**, 1 *Ti tes sempre razón*: lit. "ti es xusto", "ti apareces xusto".

**12**, 2 *Medran*: o verbo "halak" ten ás veces esa acepción (cf Os **14**, 7).

*Sentimentos*: lit. "entrañas", que son para o semita a raíz dos sentimentos. A acción das causas segundas non conta, ante o primordial da causa primeira, Deus.

**12**, 3 *Actitude*: lit. "corazón". *Sepáraos*: heb. "qadax", no sentido primitivo de retirar, pór a parte, non de santificar.

**12**, 5 *Véncente*: raíz hebrea que aparece no ugarítico co sentido de prevalecer, ser forte. O que Deus lle veu dicir ao profeta é que eles son máis e máis fortes. A resposta de por que Iavé intervén, daralla nos vv. 7-13.

*Alto*: lit. "orgullo".

**12**, 6 A resposta en linguaxe directa parece dar a razón ás cuestións do profeta. Nas palabras de Deus, intúe o profeta a verdadeira resposta: a mesma dor que el experimenta polo abandono da súa herdade síntea Deus ao castigar a súa herdanza e abandonar o seu templo.

Non te fíes deles,
aínda que che dean boas palabras.

**Resposta a "canto tempo aínda?"**

7 Abandonei a miña casa,
deixei a miña herdanza,
entreguei o amor da miña vida
na man dos seus inimigos.
8 A miña herdanza volveuse para min
coma unha leoa na selva,
que lanza contra min o seu brado,
por isto renego dela.
9 A miña herdanza volveuse para min
un paxaro pinto,
outros paxaros andan arredor contra ela:
Vide, xuntádevos todas as feras do monte,
traede a alguén que devore.
10 Moitos pastores arruinaron a miña viña,
triparon a miña parte,
converteron a parte dos meus amores
nun ermo estragado;
11 fixérona unha ruína lamentable:
contra min é a ruína.
Todo o país está derramado,
ninguén o ten en consideración.
12 Por todos os outeiros do deserto
viñeron os saqueadores:
pois a espada de Deus devora
dunha punta á outra do país,
non hai paz para ningún dos vivos.
13 Sementaron trigo e recolleron cardos,
cansaron e non sacan proveito,
avergónzanse da colleita:
amoreouse o furor da ira do Señor.

**A promesa salvífica para Israel segue en pé se ten fe no Señor**

14 Así fala o Señor Altísimo: En canto aos
ruíns, veciños que atacaron a miña herdanza, a que eu lle dei ao meu pobo Israel. Eu
mesmo os arrincarei das súas terras, e á casa
de Israel arrincareina do medio deles, 15 e
despois de arrincalos, volverei a compadecerme deles e farei volver a cada un á súa
herdanza e á súa terra. 16 E sucederá que se
aprenden ben a se comportar coma o meu
pobo, xurando polo meu Nome, vive o Señor!, igual que eles lle ensinaron ao meu
pobo a xurar por Baal, entón serán constituídos en pobo meu. 17 Pero se non fan caso,
hei de arrincar e destruír este pobo –é o Señor quen fala.

**Xesto simbólico da faixa que podrece: corrupción total do pobo**

**13** 1 Así me dixo o Señor:
–Vai mercar unha faixa de liño, e pona
sobre os cadrís; pero non a metas na auga.
2 Eu merquei a faixa, conforme o mandato
do Señor, e cinguín con ela os cadrís.
3 Volveu de segundas falarme o Señor:
–4 Colle a faixa que mercaches, a que tes sobre os cadrís; colle o camiño do Éufrates e
esconde alí a faixa na fendedura dunha pena.
5 Eu fun, e escondina no Éufrates conforme o Señor me mandou. 6 E ao cabo de moito
tempo díxome o Señor: –Colle o camiño do
Éufrates e recolle alí a faixa no lugar onde
cha mandei esconder.

**12**, 7-13 Cf nota anterior. Subliñaremos o dobre sentido dos termos neste poema no que o "eu" do profeta e mailo "Eu" de Deus se xuntan.
**12**, 7 *A casa*: a do profeta é a casa de seus pais, pois é o primoxénito (cf nota a **11**, 18-**12**, 6). A casa de Iavé é o templo de Xerusalén. A herdanza: para Iavé é o pobo de Israel e Xudá, mentres que para o profeta é o seu quiñón de primoxénito (que recibía dobre lote ca os seus irmáns).
*O amor da miña vida*: para o profeta é a casa paterna e a herdanza recibida como don sagrado de Deus, Señor das terras, mentres que para Deus é o seu pobo, que vive na súa terra.
**12**, 8 Referido a Deus (cf **11**, 9), e referido ao profeta (cf v. 6).
**12**, 10 Referido a Deus, os pastores son os reis "caldeos"; referido ao profeta, son os pastores de rabaños que, durante os primeiros anos, pastan as viñas e eidos ermos da partilla de Xeremías. *Parte*, no sentido de partilla.
**12**, 12 A segunda parte é unha glosa, pois rompe o paralelismo poético e o ritmo, ao mesmo tempo que fala da "espada do Señor" nun texto no que é o Señor quen fala.
**12**, 13 A última frase debe ser glosa, por falta do paralelismo, e por falar "da ira do Señor".
**12**, 14-17 Este texto encaixa ben co anterior, no que se expresaba que o amor de Deus polo seu pobo é a razón de non castigar deseguida aos malvados; e este mesmo amor de Deus é de onde xorde a promesa salvífica.
**12**, 14 *Altísimo*: heb. "al", que, como preposición, non encaixaría aquí, mentres que como título de Iavé, vai ben ao contexto dun amor que está por enriba da historia e que a dirixe.
**13**, 1-11 Trátase dun xesto simbólico, cunha parte narrativa (vv. 1-7), e con outra oracular (vv. 8-11). Na parte narrativa, sublíñase o feito de cinguirse o profeta coa faixa que non foi mollada (non ten xermes que a fagan podrecer) e a súa podremia na beira do Éufrates (onde vivían os deportados de Israel aos que o profeta visitaría para anunciarlles as promesas salvíficas (cf **30**, 31), constatando a súa corrupción. No oráculo explicativo, sublíñase en forma quiástica a corrupción de Xudá (quizais primeiro dicía Israel) por mor da súa idolatría (vv. 9-10), coa que se pon en contraste o compromiso persoal do Señor co seu pobo (v. 11).
**13**, 1 Hoxe coñecemos ben a duración das faixas de liño non molladas, chegando ata os 6.000 anos.

7 Eu fun ao Éufrates, cavei un pouco e recollín a faixa no lugar onde a escondera: a faixa
estaba podre, non servía para nada. 8 Veume de
novo a palabra do Señor nestes termos:
9 –Así fala o Señor: Do mesmo xeito farei
podrecer a gloria de Xudá, e a grande gloria
de Xerusalén. 10 Este pobo malvado que non
quere escoitar as miñas palabras, que se com-
porta segundo os antollos do seu corazón, e
que vai tras deuses alleos para lles dar culto
e os adorar, será coma esa faixa que xa non
serve para nada. 11 Así como a faixa cingue os
cadrís, así quixen eu cinguirme de Israel e coa
casa toda de Xudá, de xeito que fose o meu
pobo, o meu renome, a causa da miña loanza
e da miña gloria; pero non me fixeron caso.

### Os dirixentes son pelellos cheos da ira do Señor

12 Haslles anunciar este oráculo: –Así fala
o Señor, o Deus de Israel: Todos os pelellos
han de se encher de viño. E responderanche:
"Acaso non o sabemos de abondo, que todos
os pelellos se han encher de viño?".
13 Ti responderaslles: –Así fala o Señor:
Ollade, eu estou enchendo de viño de borra-
cheira a todos os habitantes deste país: aos
reis, sucesores de David, que sentan no seu
trono; aos sacerdotes e aos profetas e mais
a todos os habitantes de Xerusalén. 14 Hei fa-
cer que os escachicen, cada un contra o seu
irmán, os pais e mais os fillos volveranse
agresivos –é o Señor quen fala–, xa non teño
compaixón nin sinto mágoa nin me compa-
dezo de acabar con eles.

### Exhortación á debida adoración ao Señor, baixo a ameaza do desterro

15 Oíde, escoitade, non sexades soberbios,
que é o Señor quen fala:
16 Dádelle ao Señor, o voso Deus,
a debida adoración,
antes de que apareza a escuridade,
antes de que tropecen os vosos pés
contra os montes das sombras;
vós esperades con ansia a luz do nacente,
e velaí a escuridade mortífera
que se volve espesa nube.
17 Se non lle facedes caso,
eu chorarei ás agachadas,
por causa da vosa soberbia
correrán as miñas bágoas,
bágoas baixarán dos meus ollos,
xa que vai cativo o rabaño do Señor.

### Exhortación ao rei e á raíña nai

18 Dilles ao rei e á raíña:
Humilládevos, sentade no chan,
pois está caendo das vosas cabezas
a coroa da vosa gloria.
19 As cidades do sur están pechadas xa,
e non hai quen as abra;
levan a Xudá ao desterro,
a todo el, depórtano en masa.

### Interpretacións teolóxicas da historia daquel momento

20 Levanta os teus ollos,
olla para os que veñen do norte.
Onde están as ovellas que se che deron,
o rabaño da túa gloria?

**13**, 9 Nun primeiro momento referíase á corrupción dos deportados de Israel; pero no contexto de confabulación dos parentes e veciños de Anatot, cambiouse Israel por Xudá, e, o que era un oráculo de acusación pasou a ser un oráculo de castigo (v. 9), seguido dun de acusación.
**13**, 11 *Renome*: lit. o Nome, isto é, a forma de expresión do poder salvífico e bendicinte de Deus.
**13**, 12-14 Temos de novo un xesto simbólico, consistente en feitos que non realiza o profeta, senón outra xente (algún bodegueiro de Xerusalén), ao encher ben os pelellos do viño. Na resposta oracular (vv. 13-14), os pelellos son as clases dirixentes de Xerusalén; o viño da borracheira da que o Señor os enche é a ira de Deus, que provoca neles agresións, mesmo entre pais e fillos. Deste xeito, o oráculo é un oráculo de castigo.
**13**, 15-17 Trátase dunha exhortación á conversión ao Señor, reforzada por un anuncio de castigo, primeiro en imaxes simbólico-míticas (v. 16), e logo en linguaxe directa (v. 17b). A súa data está preto do ano 598.
**13**, 16 *Adoración*: heb. "kabod", que aquí non ten sentido de gloria, nin de riqueza, senón de adoración, que inclúe a fe e a conversión.
*Montes das sombras*: lit. "montes do serán", nos que primeiro hai sombras, que no texto que segue se volverán sinal das sombras do xeol e do reino de Mot (= Morte).
**13**, 17 As bágoas do profeta son sinal dunha forte calamidade (a catividade) que está para vir.
**13**, 18-19 No mesmo contexto e data o profeta exhorta ao rei e á raíña nai á conversión, ameazándoos coa perda da coroa e co desterro. O rei debe ser Ioaquín, fillo de Ioaquim; e a súa nai é Guebirah Nehuxtá.
**13**, 18 "Sentar no chan" era rito de liturxia penitencial ou de lamentación colectiva.
**13**, 19 A referencia ás cidades do Sur, collidas polos edomitas desde o ano 602, é sinal da proximidade ao desterro de Xudá.
**13**, 20 Os imperativos están en feminino, o que supón que o profeta se dirixe a Xerusalén, personificada nunha muller-raíña pola referencia ás ovellas. As ovellas son a xente do pobo, que, como reino vasalo de Exipto, debeu participar na batalla de Kárkemix.
**13**, 20-27 Estes vv. están formados por dúas unidades: 20-22 e 25-27. Ofrecen a interpretación teolóxica dunha situación histórica á luz doutra xa pasada, coa súa correspondente acusación (vv. 20-22a) e tipificación da acusación (vv. 22b-27b). Os vv. 23-24 recollen un oráculo de xuízo de castigo, posterior ao primeiro texto, que o actualiza para un momento histórico distinto.
Este texto debe referirse á batalla de Kárkemix (no ano 605), na que Nabucodonosor acaba co poder do faraón Nekó en Asia. O profeta recorda o perigo que vén do norte, e ve este perigo á luz do forte imposto que o faraón Nekó

[21]Que dirás cando che pidan contas
das túas débedas?
Ti xa lles ensinaches a túa débeda:
dúas mil moedas por cabeza.
Acaso non che van quitar os rabaños?
Como é que te desesperas
por culpa da débeda?
[22]E como é que non pensas
para os teus adentros:
"Por que berran estes comigo?".
Polos teus moitos pecados
levántanche as saias,
tratan con violencia os teus calcañares.
[23]Poderá cambiar a súa pel o etíope?
O leopardo poderá cambiar
a súa pelaxe pintada?
O mesmo vós, seredes capaces
de obrar ben, estando afeitos á ruindade?
[24]Pois eu esparexereinos coma a palla,
que desaparece co vento do deserto.
[25]Esta será a túa sorte,
a paga que recibes da miña parte
polas túas mans –é o Señor quen fala–.
A ti que me deixaches a min a un lado
e confiaches na mentira,
[26]tamén eu che levantarei as saias
ata a túa cara,
para que se vexan as túas vergonzas,
[27]os teus adulterios,
os teus rinchos de luxuria,
os proxectos da túa fornicación.
Nos outeiros do campo vin
as túas abominacións.
Ai de ti, Xerusalén,
que non queres purificarte!
Apuras a túa morte eterna!

### A gran seca

**14** [1]Palabras do Señor que lle viñeron a Xeremías acerca do asunto da seca:

### Súplica de lamentación colectiva

[2]Xudá morre de sede,
os gardas das súas portas
están esmorecidos,
viven entre escuridades no país,
soben os clamores de Xerusalén.
[3]Os máis grandes de entre eles mandan
aos seus rapaces por auga,
van ata os pozos, non atopan auga,
traen de volta as súas olas baleiras,
están avergonzados e confundidos,
pola burla cobren a cabeza.
[4]Cando se atravesan as terras,
estas son algo terrible,
pois non hai chuvia no país.
Están avergonzados
os labregos que labraron,
cobren a cabeza.
[5]Velaquí que tamén a corza
pariu na camposa
e deixou abandonada a súa cría,
pois non hai herba verde.
[6]Os burros do monte páranse nos altos,
ventan o aire coma os chacais,
teñen os ollos cansos,
pois non hai herba verde.
[7]As nosas iniquidades falan contra nós;
Señor, actúa por mor do teu Nome;
certo que son moitas
as nosas perversidades,
ofendémoste a ti, [8]Esperanza de Israel,
Saúde no momento da angustia.

impuxera a Xudá. Pero o castigo será moi superior: vanlle quitar o rabaño, o pobo (v. 21c), nos tempos de Ioaquín.

**13**, 21 *As túas débedas*: heb. "al", na acepción de débeda, como en ugarítico, pois como preposición non encaixa. Estas débedas refírense ás posibilidades económicas de pago de tributo de Xudá, pois, segundo 2 Re **23**, 33, pagaron no 605 a Nekó, 100 talentos de prata e 10 talentos de ouro, o que dá unha cifra de 2.000 siclos por cabeza de familia entre os terratenentes.

**13**, 22 O texto acaba cunha interpretación teolóxica destes tratados de paz: saias levantadas e calcañares descubertos son símbolos das alianzas humillantes e vergonzosas.

**13**, 23-24 Estes vv. constitúen unha acusación de impenitencia, subliñada coas interrogacións (v. 23) e cun anuncio de castigo (v. 24). O texto pasa da 2.ª persoa sing., fem. á 2.ª de pl., masc., referíndose ao pobo, para seguir nos vv. 25-27 coa 2.ª sing., fem. Por isto, e por tratarse dun xénero literario completo oráculo de xuízo de castigo, débense considerar os vv. 24-29 como unha inserción do tempo inmediatamente anterior ao exilio.

**13**, 25-27 Estes vv. foron continuación do v. 22 (cf "as saias", nos vv. 22 e 26), sendo unha tipificación do castigo e da acusación do v. 22; pero, ao enxertárselles os vv. 23-24, resultaron unha tipificación destes vv., isto é, do anuncio de castigo do exilio pola impenitencia. O v. 27c é un ai de acusación, que subliña a función de chamada á conversión, que contén os oráculos de xuízo de castigo que preceden.

**13**, 26 A nudez era para o semita unha deshonra, e expresión da submisión do escravo ao señor.

**14**, 1-**15**, 4 Toda esta unidade está organizada arredor de dúas súplicas de lamentación con motivo da seca: **14**, 2-9 e **14**, 17-22. A primeira ten dobre resposta: para o pobo, un anuncio de castigo (v. 10); e para o profeta, a prohibición de interceder polo pobo, para o que se anuncian novos castigos (vv. 11-12). Xeremías consulta a Iavé (v. 13) sobre a mensaxe dos profetas oficiais do culto, contra os que dirixiu o discurso á porta do templo (7, 1ss), recibindo un oráculo de xuízo de castigo contra eles e contra o pobo (vv. 14-16). A segunda súplica de lamentación colectiva, feita polo profeta, non fala da seca, senón da conseguinte fame (vv. 17-22), e ten como remate o rexeitamento absoluto de toda intercesión polo pobo (**15**,1), e un oráculo de castigo para o pobo (v. 15).

**14**, 2-9 A súplica consta, coma nos salmos de lamentación colectiva, a) dunha parte descritiva (vv. 2-6); b) dunha confesión dos propios pecados, xunto coa expresión de confianza no poder de Iavé, baseada na alianza (vv. 7-9a); e c) dunha súplica directa (vv. 7 e 9b).

Por que es ti coma un forasteiro no país,
coma o que vai de viaxe
e se aparta do camiño para pasar a noite?
[9]Por que es coma un que se retira,
coma un soldado
que non é capaz de salvar?
Pero ti, Señor, estás entre nós,
e o teu Nome invócase sobre nós.
Non nos abandones.

**Resposta divina para o pobo**

[10]O Señor respóndelle así a este pobo:
Ben que lles gustou ir en romaría,
non lles aforraron traballos ás pernas!
Pero o Señor non os ollou con amor.
Agora acórdase das súas iniquidades,
pídelles contas dos seus pecados.

**Resposta divina ao profeta**

[11]E o Señor díxome a min: –Non intercedas por este pobo para o seu ben: [12]aínda que xaxúen, non serei eu quen escoite a súa clamorosa súplica; aínda que ofrezan holocaustos e ofrendas, non serei eu quen se lles mostre favorable, senón que acabarei con eles pola espada, a fame e a peste.

**Consulta de Xeremías acerca da mensaxe dos falsos profetas**

[13]E eu repuxen: –Ai, meu Señor Iavé! Velaquí o que lles anuncian os profetas: "Non habedes ver a espada, nin pasaredes fame, é a paz o que vos hei dar neste lugar santo".

**Resposta divina contra os falsos profetas e o pobo**

[14]Volveume dicir o Señor: –É mentira o que os profetas profetizan no meu Nome: Eu nin os mandei, nin lles dei ordes, nin lles falei; o que eles lles profetizan son falsas visións e adiviñanzas, ouveos e pantasmas da súa mente. [15]Por isto, así fala o Señor Altísimo: Os profetas que profetizan no meu Nome, sen que eu os teña mandado, os que din: "Nin espada nin fame haberá neste país", eses profetas pola espada e pola fame acabarán. [16]E o pobo ao que eles profetizan, xacerá pisado nas rúas de Xerusalén, por causa da fame e da espada, e non terán quen lles dea sepultura a eles, ás súas mulleres, aos seus fillos e ás súas fillas; deste xeito farei vir sobre eles a súa ruindade.

**Nova súplica de lamentación colectiva**

[17]Proclámalles este oráculo:
Os meus ollos verten bágoas,
de día e de noite moito choran!
pois a Mociña, a filla do meu pobo,
arruinouse cun enorme desastre,
está completamente deshonrada
cunha grande ferida.
[18]Saio ao campo e velaquí:
asasinados a espada;
entro na cidade e velaquí:
esmorecidos coa fame.
Olla para o sacerdote e para o profeta:
andan á deriva polo país
e nin conta se dan.
[19]Refugaches definitivamente a Xudá?
Tes noxo de Sión?
Por que nos feriches
e non hai remedio para nós?
Por que se está á espera da paz,
e non hai cousa boa,
e no momento do remedio
se presenta o terror?
[20]Señor, recoñecemos a nosa impiedade,
a iniquidade dos nosos devanceiros,
pois temos pecado contra ti.
[21]Por mor do teu Nome, non rexeites,
non trates a golpes o trono da túa gloria;
fai memoria e non rompas
a túa alianza connosco.
[22]Acaso hai entre os deuses inútiles
dos pagáns algún que poida dar a chuvia?
Acaso é o ceo quen dá
as chuvias benfeitoras?
Acaso non es ti, o Señor, noso Deus?
En ti poñemos a nosa esperanza,
pois ti sempre nos deches todo isto.

**14**, 3 "Cubrir a cabeza" era sinal de dó, pois a barba e o cabelo longo eran sinais da dignidade da persoa, que no dó se esconde.
**14**, 10 "As romarías" non lle agradaron ao Señor, por non ser expresión da conversión do pobo.
"Acordarse Deus das iniquidades", equivale a castigalas.
**14**, 11 "A intercesión" é unha das funcións propias do home de Deus, o profeta; e o prohibirlle o Señor esta función, supón un castigo irrevogable para o pobo (cf nota a **7**, 16-20).
**14**, 14 *Ouveos*: expresións e clamores inintelixibles dos profetas cúlticos na súa éxtase.
**14**, 15 *Altísimo*: heb. "al", que aquí non tería sentido como preposición.
**14**, 16 Sobre a falta de sepultura, cf nota a **7**, 33.
**14**, 17 *Deshonrada cunha grande ferida*. Outra posible interpretación sería: "cunha ferida, herdanza desde antigo".

**Resposta final do Señor**

**15** [1]Díxome o Señor: –Aínda que Moisés
e Samuel intercedesen ante min, eu
non estaría por este pobo. Bótaos fóra da miña
presenza, que se vaian. [2]E se che preguntan:
"Onde imos?", dilles: Así fala o Señor:
O que está destinado á morte irá á morte,
o que está destinado á espada, irá á espada,
o que está destinado á fame, irá á fame;
o destinado á cativiade, irá á cativiade.
[3]Póñolles de verdugos para eles
catro tipos de castigo
–é o Señor quen fala–:
A espada para matar,
os cans para arrastrar polo chan,
os paxaros do ceo
e os animais de debaixo da terra
para devorar e destruír.
[4]Heinos converter en algo que faga
estremecer todos os reinos da terra,
por causa de Menaxés,
fillo de Ezequías, rei de Xudá,
polo que el fixo en Xerusalén.

**Interpretación profética da capitulación do 598/597**

[5]Olla, Xerusalén, quen vai ter
compaixón de ti? Quen te consolará?
Quen fará unha viaxe
para preguntarche como vas?
[6]Ti refugáchesme a min
–é o Señor quen fala–,
recuaches para atrás;
e eu estendín a miña man
contra ti para destruírte,
estaba canso de ter compaixón.
[7]Erguinos coma o trigo
coa forquita da limpa,
nas portas da capital;
deixei sen fillos e destruín o meu pobo,
pois do seu comportamento
non se arrepentían.
[8]Multipliquei as súas viúvas
máis ca a area do mar,
fixen vir sobre eles a débeda de súa nai,
o soldado que destrúe ao mediodía.
Fixen caer de repente sobre elas
a súa débeda, o pavor e mais o terror.
[9]Desfaleceu a que podía parir sete veces,
expirou a súa vida;
púxose o sol para os seus días,
morreu de vergonza e confusión.
E o resto deles heino entregar á espada,
na presenza dos seus inimigos
–é o Señor quen fala.

**Crise vocacional do profeta. Oración e confirmación na súa vocación**

[10]Ai de min, miña nai tróuxome ao mundo
para ser home de preitos,
home de litixios contra todo o país!
Nin prestei nin me prestaron,
pero todos eles me maldín.
[11]Fala, pois, Señor, eu sírvote fielmente,
eu non te ofendo!:
a calamidade encherá de terror o inimigo,
invadirao a angustia.
[12]Pero acaso vai quebrar o ferro,

**15**, 3 *De debaixo da terra*, pois o termo "ares" ten aquí sentido de "o que está debaixo da superficie da terra".
**15**, 4 A idolatría de Menaxés foi proverbial neste período histórico (cf 2 Re **21**, 11-16; **23**, 26-27; **24**, 4).
**15**, 5-9 Neste texto aparecen os verbos en primeira persoa referidos a castigos divinos do pasado. Soamente no v. 9c aparece un verbo de castigo en futuro: por isto habemos considerar o texto unha interpretación teolóxica dos acontecementos do ano 598/7, pois aínda queda un resto que o Señor entregará á espada. Esta interpretación profética serve de dato de cumprimento de boa parte das profecías anteriores, ao mesmo tempo que nos dá a razón histórica das confesións de Xeremías: todos o maldín porque, ao anunciar os castigos, estes cúmprense.
**15**, 5 Estes "quen" refírense ás nacións coas que fixo Xudá alianzas. *Como vas?*, lit. "paz contigo ou para ti", a fórmula habitual de saúdo.
**15**, 6 *Recuaches para atrás*: refugar o Señor foi algo prexudicial para o pobo, como é malo ir para atrás en vez de adiantar.
**15**, 7 A imaxe da limpa do gran (trigo, centeo ou cebada) está polo xuízo de castigo divino, co que se purifica o pobo, volvendo á fe en Iavé.
*Capital*: o vocábulo hebreo "eres" refírese aquí a Xerusalén como capital e non ao país, pois a limpa do gran facíase fóra das portas da cidade.
**15**, 8 *A débeda de súa nai*: refírese aos pecados dos antepasados da cidade, os pecados de Menaxés (cf v. 4). Compárase no paralelismo a débeda co seu castigo = o soldado que destrúe durante a forza do día.
**15**, 9 *Sete veces*: moitas veces, un número cumprido de veces, pois o sete indica plenitude.
**15**, 10-21 O cumprimento dos oráculos de xuízo de castigo trae a crise da cidade (**15**, 5-9), e, como consecuencia, unha forte crise vocacional para o profeta, pois el, o home da palabra de Deus para o pobo (v. 16), vese rexeitado e maldito polo mesmo pobo. O v. 10 é un ai de maldición sobre si mesmo, ao que seguen unhas palabras de declaración de inocencia e fidelidade do pobo, que reclaman o castigo do inimigo (v. 11). O v. 12 é unha resposta negativa e irónica do profeta a eses que reclaman o castigo do inimigo. Os vv. 13-14 son de anuncio de castigo para os xudeus, coa acusación no v. 13b. Os vv. 11-14 son a expresión do porqué da desgraza do profeta. Nos vv. 15-18 fai Xer unha lamentación individual, composta de súplica, recomendación da súplica (inxurias soportadas polo Señor, amor á súa Palabra, vocación, ledicia do profeta por ser instrumento do poder do Señor que o illa do pobo e que resulta unha dor e ferida que non cura) e un oráculo do Señor (vv. 18-21) confirmando ao profeta na súa misión vocacional.

o ferro que vén do norte, ou o bronce?
[13]As túas posesións e mais os teus tesouros
dounos ao saqueo, dounos de balde,
por culpa de todos os teus pecados
en todas as túas montañas.
[14]Eu fareite pasar ao poder
dos teus inimigos,
a un país que ti non coñeces,
pois o lume inflamou a miña ira,
pola vosa causa segue ardendo.
[15]Ti ben o sabes, Señor:
Lémbrate de min e faime xustiza,
víngame dos que me perseguen.
Revístete da túa paciencia,
cólleme como cousa túa,
sabe que eu por ti aguanto inxurias.
[16]Cando había palabras túas,
eu devorábaas,
as túas palabras eran para min
unha alegría,
e a ledicia do meu corazón;
olla que Ti mesmo invocaches
o teu Nome sobre min,
Señor Deus dos Exércitos.
[17]Eu non me sentei na xuntanza
dos que o pasan ben nin me alegrei,
senón que, pola presenza do teu poder,
sentei senlleiro,
pois enchérasme da túa ira.
[18]Por que se volve crónica a miña dor?
E por que a miña dolorosa ferida
se resiste a curar?
A ferida si que se volveu para min
coma un regueiro enganoso,
coma a auga que non é segura.
[19]Por isto así fala o Señor:
Se volves, eu fareite volver a min,
estarás comigo na miña presenza;
se apartas o que é correcto do que é baixo,
ti serás a miña boca.
Que volvan eles a ti,
pero ti non volvas a eles.
[20]Eu constitúote a ti en muralla de bronce
indestrutible para este pobo:
loitarán contra ti pero non te poderán.
Eu estou contigo para salvarte e librarte
–é o Señor quen fala–.
[21]Heite librar das mans dos malvados,
heite rescatar do puño dos opresores.

### A vida do profeta é sinal do castigo

**16** [1]Recibín a palabra do Señor, que me dixo:
[2]–Non cases con muller deste lugar, nin teñas fillos nin fillas neste lugar, [3]porque deste xeito lles fala o Señor aos fillos e fillas nados neste lugar, ás nais que os pariron, e aos pais que os xeraron neste país: [4]Morrerán da morte máis adoecida, non serán chorados nin sepultados, quedarán de esterco na terra, perecerán a espada e de fame; os seus cadáveres servirán de comida aos paxaros do ceo e aos animais de debaixo da terra.
[5]O Señor fala deste xeito: Non entres en casa onde se faga o banquete do enterro, nin vaias formar parte do dó, non lles deas o pésame, pois eu retiro deste pobo a miña paz –é o Señor quen fala–; retiro a miña fidelidade e misericordia. [6]Morrerán grandes e pequenos neste país, non se enterrarán nin se fará dó por eles, non se farán incisións nin raparán o pelo por eles. [7]Non haberá quen comparta con eles a tristeza, non haberá quen console por un morto, non haberá quen lles dea a beber a copa da consolación polo pai ou pola nai. [8]Ti non entres na taberna para facelos deixar de comer e beber. [9]Así fala o Señor omnipotente, o Deus de Israel: Velaquí que eu estou facendo desaparecer deste lugar, aos vosos ollos e nos vosos días, o canto da alegría e as cantareas de ledicia, o canto do esposo e a voz da esposa.
[10]Cando lle anuncies a este pobo todos estes oráculos, hanche dicir: "Por que decretou o Señor contra nós toda esta enorme calamidade? Cal é a nosa culpa? Cal é o noso pecado, o que cometemos contra o Señor, o noso Deus?". [11]Ti responderaslles: "Porque vosos

**15**, 13 *Montañas*. Están en paralelo cos pecados. Nos seus cumes exércese o culto idolátrico.
**15**, 16 *...invocaches o teu Nome*: lit. "invocouse", un pasivo teolóxico, para manter a distancia respecto a Deus.
**15**, 19 *Apartas*: distingues, diferencias.
**16**, 1-13 Esta sección continúa o paralelismo entre a sorte de Xerusalén (**15**, 5-9) e a sorte do profeta (**15**, 10-21), mediante tres prohibicións estrañas: a de casar e ter fillos (v. 2), a de participar no dó fúnebre (v. 5) e a de entrar na taberna (v. 8). Estas prohibicións, por mor dos oráculos de castigo que as explican, converten a persoa do profeta en sinal do castigo que o Señor vai mandar ao seu pobo (vv. 4. 6-7. 9). As tres unidades paralelas conclúen cunhas preguntas do pobo (v. 10), ás que o profeta responderá cun oráculo de xuízo de castigo, que consta de acusación (vv. 11-12) e de xuízo de castigo (v. 13).
**16**, 4 O oráculo deixa entender que os posibles fillos do profeta serían fillos de maldición, coma os do pobo, e destinados a desaparecer totalmente, por falta dunha sepultura onde acouguen os seus ósos e o seu "rúah".
**16**, 7 *A copa da consolación*: copas de licor que os veciños ofrecían aos da casa do morto para levantarlles o ánimo: costume que se mantén hoxe en diversas partes de Europa.
**16**, 8-9 Máis que o profeta, acabará o Señor coas ledicias da comida do pobo.

pais me abandonaron a min –é o Señor quen
fala– para iren tras deuses alleos, dándolles
culto e adorándoos; si, abandonáronme a min
e non cumpriron a miña lei".
12E vós obrastes peor ca vosos pais, pois
cada un de vós segue os apetitos do seu
perverso corazón, sen me facer caso a min.
13Por isto heivos botar desta terra para outro
país, que nin coñecedes vós nin vosos pais;
alí adoraredes, día e noite, os deuses alleos,
porque eu non vos concederei favor ningún.

**Oráculo salvífico: volta dos desterrados ao país**

14Certo, velaquí veñen os días –é o Señor
quen fala– en que xa non se dirá: "Vive o
Señor, que sacou os israelitas da terra de
Exipto". 15Senón que se dirá: "Vive o Señor,
que sacou os israelitas do país do norte, e de
todas as terras a onde os dispersara". E farei-
nos volver á terra deles, á terra que lles dei a
seus pais.

**Purificación do país cos invasores**

16Velaquí, eu mando moitos pescadores,
para que os pesquen –é o Señor quen fala–; e
despois mandarei moitos cazadores, para que
os cacen por todos os montes e por todos os
outeiros, e polas fendeduras das penas. 17Os
meus ollos están sobre o seu comportamento,
que non ten reparo da miña presenza, e a súa
iniquidade non se agacha diante dos meus
ollos. 18Saldarei por primeira e segunda vez
a súa iniquidade e mais o seu pecado, porque
profanaron a miña terra cos cadáveres das
súas abominacións e coas súas execracións
encheron a miña herdanza.

**Himno ao Señor: a corrección dos xentís**

19Señor, ti es a miña forza e o meu refuxio,
ti es o lugar seguro para os días de aflición.
A ti virán os xentís, desde o cabo da terra
e diranche:
"Lerias son o que herdaron nosos pais,
deuses vans, que de nada lles servían".
20Pode, acaso, o home facer
deuses para si?
Pero estes non son deuses.
21Por isto, ollade
o que eu lles mostro esta vez:
eu móstrolles o meu poder
e mais a miña forza,
e saberán que o meu nome é "Iavé".

**O pecado de Xudá é xa vello, pero será castigado co desterro**

**17** 1O pecado de Xudá está escrito
cun punteiro de ferro,
cunha punta de diamante está
ben gravado na táboa do seu corazón,
e nos cornos dos vosos altares.
2Os fillos lembraranse dos seus altares
e das súas estelas,
seguirán correndo polo agro
onda as árbores ramalludas,
onda os altos outeiros.
3As túas riquezas e todos os teus tesouros
entregareinos ao saqueo;
polo teu pecar, sairás dos teus altos
e dos teus lindeiros;
4e pola túa propia culpa,
sairás da túa herdanza, a que eu che dei.
Fareite servo dos teus inimigos,
nun país que non coñecías,
pois o lume acéndese na miña cara,
e arde para sempre.

**16**, 13 As referencias ao desterro son abstractas, de xeito que non se pode precisar a que deportación se refiren; non é improbable que aludan á primeira, a do ano 598/7.
**16**, 14-15 A función deste oráculo salvífico, fóra de lugar, é redaccional, e pretende relativizar no tempo a última frase do v. 13. O texto introdúcese coa fórmula de oráculos salvíficos de futuro indeterminado ("velaquí veñen os días"), á que seguirá unha fórmula nova dos xuramentos, coa explicación dos feitos (en 1.ª pers., divina).
**16**, 14 *Certo* (heb. "laken"). Neste contexto non é conxunción ("por iso"), senón que ten valor enfático.
*Vive o Señor...* é unha expresión composta da fórmula de xuramento "vive Iavé", mais a profesión de fe consignada no primeiro mandamento (cf Éx **20**, 2; Dt **5**, 6).
**16**, 16-18 Estes vv. constitúen a tipificación do anuncio de castigo do v. 13, do que se viu separado polo enxerto redaccional dos vv. 14-15. O v. 18b é unha nova acusación, que fai inclusión literaria coas referencias ao país no v. 13.
**16**, 19-21 Himno profético no que se expresa o dinamismo de Iavé como refuxio do aflixido, o que provocará entre os xentís o abandono do paganismo e a conseguinte conversión a Iavé. Non debemos negar a autenticidade xeremiana do texto, pois os seus pensamentos son unha vella tradición recollida nos salmos e presente nos deuteronomistas do seu tempo; e, ademais, as frases responden ao estilo do profeta (cf **4**, 1-2).
**17**, 1-4 Oráculo de xuízo de castigo en forma poética: a) acusación (vv. 1-3a); e b) xuízo de castigo (vv. 3b-4), aínda que repetindo a acusación.
**17**, 1 *A táboa do seu corazón*: as máis íntimas intencións da persoa, que marcan o xeito do seu obrar; se o corazón é a raíz dos plans e pensamentos, compréndese o falar dunha táboa onde estean escritos.
**17**, 2-3a Referencias aos cultos idolátricos de Baal e Axerah.
**17**, 4 *Na miña cara*: o vocábulo hebreo ten sentido de cara e mais de ira; e o texto reflicte unha cara encarnada pola ira.

## TEXTOS SAPIENCIAIS

### I. A confianza no home e a confianza en Deus

5 Así fala o Señor:
Maldito o home que confía no home:
pon a súa forza na carne,
e retira do Señor o seu corazón.
6 Será coma un cardo no ermo,
non verá vir a fartura;
habitará nas pedras do deserto,
terra salobre e inhabitable.
7 Bendito o home que confía en Deus:
a súa esperanza é o Señor.
8 Será coma unha árbore
transplantada xunto á auga,
que bota as súas raíces para o regueiro;
non notará cando veña a seca,
e a súa follaxe estará frondosa;
nos anos de seca non terá preocupacións,
pois non deixará de dar froito.

### II. Soamente Deus coñece as intencións e os sentimentos

9 O máis persoal e propio de todo
é o corazón;
é o máis íntimo: quen o coñecerá?
10 Eu, o Señor, son quen escruto
as intencións,
quen examina os sentimentos,
para lle dar a cada un conforme
o seu comportamento,
conforme o froito das súas obras.

### III. As riquezas inxustas abandonarán o home

11 O macho da perdiz
choca o ovo que non puxo,
o mesmo é quen xunta riquezas,
pero non con xustiza;
á metade da súa vida abandónano,
e ao final queda coma un parvo.

### O Señor é a única fonte de esperanza

12 O trono da gloria é a montaña primordial,
o sitio do noso santuario.
13 Ti, Señor, es a esperanza de Israel:
todos os que te abandonan,
hanse avergonzar;
a min foime dito que todos estes
se han escribir debaixo da terra,
porque deixaron a fonte
das augas da vida: o Señor.

### Oración de súplica e imprecación

14 Sándame, Señor, e quedarei san,
sálvame e quedarei salvo:
para ti é a miña loanza.
15 Velaquí que eles me están a dicir:
"Onde está a palabra do Señor?
Que se cumpra!"
16 Pero eu, si, apureime a correr tras de ti
por mor da desgraza,
eu desexei para min días tranquilos.
Ti sábelo ben:
a manifestación dos meus labios
está ante a túa cara.
17 Non me deas un susto,
ti, o meu amparo no día da desgraza.
18 Que se avergoncen os que me perseguen,
e non me avergonce eu;
que se espavorezan eles
e non me espavoreza eu.
Fai que veña contra eles o día da desgraza,
quebrántaos con dobre quebranto.

### Gardar o descanso sabático é condición para a salvación de Xudá

19 O Señor faloume deste xeito: –Vai e ponte na porta dos Fillos do pobo, por onde

**17**, 5-11 O redactor xuntou tres textos sapienciais en nada alleos ás inquedanzas teolóxicas de Xer. Téñanse en conta os seus contactos co Dt e con Os como herdeiros de sabedoría teolóxica de Israel.
**17**, 5 *A carne* é, para o semita, a raíz do pracer (en xeral) e mais da debilidade.
**17**, 10 *Intencións*: lit. "o corazón", sede das intencións. *Os sentimentos*: lit. "os riles", raíz dos sentimentos humanos. *Comportamento*: lit. "camiño", comportamento moral. Sobre o título divino, cf **11**, 20; **20**, 12; 1 Re **8**, 39; Sal **139**, 23; Rm **8**, 27.
**17**, 12-13 Estes dous vv. constitúen un pequeno himno á realeza (trono) de Iavé no templo de Xerusalén, onde é fonte de vida para os que nel confían. Este tema encaixa ben coa oración de lamentación individual que segue.
**17**, 13 Os que abandonan o Señor pertencen ao reino de Mot (Morte) e do Xeol ("eres" ten aquí este sentido), non ao reino de Iavé, o Deus simbolizado nas augas da vida.
**17**, 14-18 Este texto ten as características dos salmos de lamentación individual dun perseguido. O ambiente vital vénlle preparado polos vv. 12-13.
**17**, 14 *Para ti é a miña loanza*: lit. "ti es (o obxecto de) a miña loanza".
**17**, 16 *Si*: lemos o hebreo "la" (= afirmativo), pois a vocalización masorética (= negación) vai contra o contido dos vv. 17s.
*Días tranquilos*: o mesmo termo que traducimos no v. 9 por íntimo e familiar.
**17**, 19-27 Este discurso preséntase con trazos autobiográficos, e libre das tensións de finais do s. VII e comezos do VI. Por isto, e polo estilo, semellante ao dos discursos do Dt, debe situarse no ambiente histórico de colaboración do profeta na reforma de Ioxías (vv. 25-26). O texto vai ben co contexto anterior, no que se subliña a esperanza posta en Iavé; e a observancia do sábado é expresión de fe no poder do Iavé (cf vv. 13. 17).

entran e saen os reis de Xudá, e en todas as portas de Xerusalén. [20]Dilles: "Escoitade a palabra do Señor, reis de Xudá, todo Xudá, e todos os habitantes de Xerusalén que entrades por estas portas. [21]Así fala o Señor: Pola vosa vida, gardádevos de levar cargas no sábado e de metelas polas portas de Xerusalén. [22]Non saquedes cargas das vosas casas o sábado, nin fagades ningún traballo; máis ben santificade o día do sábado conforme lles mandei aos vosos pais. [23]Pero non escoitaron nin prestaron atención, senón que endureceron a súa testa, obstináronse na desobediencia e en non aprender. [24]En cambio se me facedes caso –é o Señor quen fala–, non metendo cargas polas portas desta cidade no sábado, e santificando o sábado sen facer durante el ningún traballo, [25]entón entrarán polas portas desta cidade os reis e príncipes, que sentan no trono de David, montados en carros e cabalos, acompañados dos seus oficiais, e mais a xente de Xudá e os habitantes de Xerusalén; e esta cidade durará para sempre. [26]Virán das cidades de Xudá e dos arredores de Xerusalén, da terra de Benxamín, da Xefelah, da Montaña e do Négueb, traendo holocaustos, sacrificios, ofrendas e incenso, e eles serán os que ofrezan a acción de grazas no templo do Señor. [27]Pero se non me facedes caso nisto de santificar o sábado e de non levar cargas e metelas polas portas de Xerusalén en sábado, entón prendereilles lume ás portas de Xerusalén, lume que consumirá os seus palacios e non se apagará".

### Parábola do oleiro

**18** [1]Esta é a orde que recibiu Xeremías da parte do Señor: [2]–Anda, baixa ao taller do oleiro, pois alí che comunicarei as miñas palabras.

[3]Eu baixei ao taller do oleiro e vin que estaba no torno co seu traballo. [4]Cando ao oleiro lle saía mal o cacharro que estaba facendo, co barro que tiña na súa man transformábao noutro cacharro distinto, segundo lle parecía que o barro servía mellor. [5]Veume de novo a palabra do Señor nestes termos: [6]–Acaso non serei eu capaz de facervos a vós, casa de Israel, como fai este oleiro? –é o Señor quen fala–. Como está o barro na man do oleiro, así estades vós na miña man, casa de Israel. [7]De pronto falo contra un pobo e contra un reino, de arrincalo, arrasalo e destruílo; [8]pero, se este pobo contra quen eu falei se volve da súa iniquidade, eu arrepíntome do mal que pensei facerlle. [9]E de repente fálolle ao pobo e ao reino de edificalo e plantalo. [10]Pero se comete a iniquidade aos meus ollos, non facendo caso da miña chamada, entón arrepíntome do ben con que falei de o favorecer. [11]E agora fálalles aos xudeus e aos veciños de Xerusalén: "Así fala o Señor: Ollade, eu son o oleiro e estou dándolle forma a un desastre contra vós, estou maquinando algo contra vós. Volvédevos, por favor, cada un do seu camiño de maldade, mellorade o voso comportamento e as vosas obras". [12]Pero eles din: "Fóra! Seguiremos as nosas ideas, cada un de nós obrará conforme o seu corazón obstinado na maldade".

### Comportamento relixioso e castigo

[13]Por iso, así fala o Señor:
Preguntádelles aos pagáns:
Quen oíu tales cousas coma estas?
Vergonzosamente espiuse
a virxe de Israel.
[14]Deixa o Poderoso de ser Rocha?
Deixa a neve o Líbano?
Minguan as augas alleas?

**18**, 1-**20**, 18 Estes tres cc. constitúen un bloque redaccional, con dúas partes en paralelo: **18**, 1-23 e **19**, 1-**20**, 18, que comezan por relatos biográficos con contido significativo (parabólico ou de xesto simbólico), aos que seguen os correspondentes oráculos de xuízo de castigo, explicativos. As dúas partes acaban con atentados contra o profeta, en vez de oracións de lamentación individual. Na segunda delas (**20**, 14-18), atopamos, máis ca unha lamentación individual, unha maldición da propia sorte de Xer, que ademais é todo un símbolo da situación desastrosa que cae sobre Xerusalén, pois en **20**, 4-5, acaba de anunciar a deportación da Babilonia.

**18**, 1-12 Constan dun relato biográfico: a visita ao obradoiro do oleiro e a observación do seu traballo (vv. 2-4), e un oráculo no que, ao xeito dunha parábola, se salienta a importancia do comportamento do pobo (barro) para a realización dos plans de Deus (vv. 5-10); acábase nos vv. 11-12, coa aplicación da parábola á situación concreta: plan de Deus de castigar o seu pobo, do que o pobo se podería librar polo seu comportamento, se quixese.

**18**, 4 Quen decide o destino do barro é o seu comportamento nas mans do oleiro. Paralelamente o dominio de Deus sobre o seu pobo depende da resposta do pobo mesmo.

**18**, 12 *Corazón obstinado*: lit. "a firmeza do seu corazón malo".

**18**, 13-17 Este texto é literariamente un oráculo de xuízo de castigo, no que a acusación dos vv. 13-15 alude á idolatría e cambio de relixión, que se presenta coma algo non natural, e se recalca coas interrogacións. O anuncio de castigo xa está presente en parte nos vv. 16 e 17.

**18**, 13 *Espiuse*: alusión ás novas alianzas cos deuses pagáns e ao seu culto naturalista, que incluía xa de antigo a prostitución sagrada.

**18**, 14 *Rocha*: título de Deus que reflicte a súa protección e a firmeza das súas promesas. Minguan as augas alleas: refírese ás augas da chuvia recollidas na cisterna. Todo o v. 14 expresa que Deus non deixa de protexer ao seu pobo, facendo chover, para darlle alimento.

Minguan as fontes que corren?
15 Como se esquece de min o meu pobo,
como ofrece incenso a Nada,
como tropeza nos seus camiños,
para camiñar por corredoiras,
por carreiros sen construír,
16 convertendo así a súa terra
nunha desolación, nun noxo para sempre!
Todo o que a atravese quedará pasmado,
daralle á cabeza para un lado e para outro.
17 Coma cun aire soán heinos esparexer
na presenza dos inimigos;
vereilles as costas, non a cara,
o día da súa desgraza.

**Atentado contra Xeremías, lamentación e imprecación**

18 Eles dixeron: "Ollade, trememos plans
contra Xeremías, pois a Lei non lle faltará ao
sacerdote, nin o consello lle faltará ao sabio,
nin a palabra ao profeta; vide, castiguémolo
pola súa lingua, e non fagamos caso das súas
palabras".
19 Aténdeme, Señor,
escoita a voz dos meus inimigos.
20 Págase, acaso, mal por ben?
Velaquí que cavaron para min un pozo.
Lémbrate de que estiven ante ti,
para falar ben a favor deles,
para apartar deles a túa furia.
21 Por iso, entrega os seus fillos á fame,
fainos desangrar coa forza da espada;
queden as súas mulleres
sen fillos e viúvas,
sexan os seus homes mortos pola peste,
os seus mozos feridos
con espada na guerra.
22 Que se oian saír das súas casas os berros,
cando de repente traias contra eles
bandas de asasinos,
porque cavaron un pozo para collerme
e esconderon alí trampas para os meus pés.
23 Pero ti, Señor, coñeces ben
todos os seus plans de morte contra min:
non lles perdoes a súa iniquidade;
o seu pecado non o borres da túa presenza.
Sexan eles quen tropecen e caian ante ti;
na hora da túa ira actúa contra eles.

**Xeremías, cunha ola na man, vai denunciar o culto idolátrico ao val de Ben Hinnom**

**19** 1 O Señor falou deste xeito: –Vai, mércalle unha ola a un oleiro, e toma contigo algún dos vellos do pobo e algún dos vellos sacerdotes. 2 Logo saes para o val de Ben Hinnom, que está onda a porta das Telleiras, e pregoa alí as palabras que eu che direi. 3 Dilles: "Escoitade a palabra do Señor, reis de Xudá e veciños de Xerusalén! Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Velaquí que eu estou a traer contra este lugar unha tal desgraza que a quen a oia retumbaranlle os oídos, 4 xa que me abandonaron a min e volveron estraño este lugar, queimando nel sacrificios a deuses alleos, que nin coñeceron eles nin seus pais nin os reis de Xudá, enchendo este lugar de sangue de inocentes.
5 Construíron o santuario a Baal para queimar no lume os seus propios fillos en holocausto a Baal, cousa que nin eu lles mandei nin lles dixen, nin se me pasou pola cabeza.
6 Por isto, velaquí veñen os días –é o Señor quen fala– nos que xa non se chamará este lugar o Tófet nin o val de Ben Hinnom, senón o val da Morte. 7 Frustrarei neste lugar o plan de Xudá e de Xerusalén, e fareinos caer coa espada diante dos seus inimigos e nas mans dos que axexan a súa vida; dareinos de comida aos paxaros do ceo e aos bechos da terra. 8 Converterei esta cidade nunha desolación e nun noxo, todo o que a atravese quedará pasmado, sentirá repugnancia pola aldraxe da súa devastación. 9 Si, farei que eles coman a carne dos fillos e a carne das fillas, e cada un comerá a carne do seu compañeiro, por mor do cerco e da estreiteza con que os oprimirán os seus inimigos, e os que buscan a súa morte".

**18**, 18-23 Esta unidade está composta de prosa poética (v. 18) que nos presenta o atentado contra o profeta por boca dos seus inimigos, e dunha oración de lamentación individual do perseguido (vv. 19-20), seguida dunha oración imprecatoria contra os seus inimigos (vv. 21-23).
**18**, 18 A mensaxe do profeta resulta incómoda, e os seus inimigos non ven necesaria a súa presenza entre eles. Os estamentos orientadores do pobo sacerdotes, sabios e profetas, neste caso están en contra de Xer.
**18**, 20 En ton oracional lémbralle o profeta ao Señor a ingratitude do pobo. *Velaquí...pozo*: aínda que aparece tamén no v. 22, non por isto hai que pensar que sexa unha glosa. *O pozo* é imaxe dunha trampa ou emboscada.
**19**, 1-9 Aínda que **19**, 1-**20**, 6 constitúe un relato seguido, por mor da importancia dos oráculos explicativos divídimolo en tres partes: **19**, 1-9; **19**, 10-13; **19**, 14-**20**, 6. A ola comprada a un ancián ou a un vello sacerdote é sinal da destrución da cidade; lévaa ao lugar dos cultos pagáns para denuncialos (vv. 4-5) e para significar que por mor deles será asediada e caerá a cidade (vv. 6-9). Nótese a correspondencia entre o v. 5 e o v. 9 sobre o tema dos fillos.
**19**, 2 Sobre Tófet e Ben Hinnom, cf notas a **7**, 31-33.

### Xeremías rompe a ola: anuncio de castigo para Xerusalén

[10]Logo esnaquiza a ola na presenza dos
homes que te seguen, [11]e dilles: "Así fala o
Señor dos Exércitos: Deste xeito hei de esna-
quizar este pobo e esta cidade, o mesmo que
se esnaquiza o cacharro do oleiro, que non se
pode recompoñer. Han enterrar en Tófet por
falta de sepultura para enterrar. [12]Do mesmo
xeito lles hei facer a esta cidade e aos seus
veciños, hei facer desta cidade coma un Tó-
fet. [13]As casas de Xerusalén e mais os pala-
cios dos reis de Xudá serán coma o Tófet; in-
mundas están todas as casas, onde queimaron
incenso nas terrazas a toda a milicia celeste e
onde verteron libacións a deuses alleos".

### Xeremías leva unha tunda: anuncio do exilio de Babilonia

[14]Volveu Xeremías do Tófet, a onde o
mandou o Señor a profetizar, e parou no adro
do templo do Señor a dicirlle a todo o pobo:
[15]—Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de
Israel: Ollade que eu estou facendo vir contra
esta cidade e as súas vilas toda a calamidade
que contra ela anunciei, porque endureceron
as súas testas para non facer caso das miñas
palabras.

**20** [1]Paxhur, fillo de Imer, sacerdote e
inspector xefe do templo do Señor,
oíu a Xeremías cando profetizaba estes orá-
culos. [2]Paxhur fixo que lle desen unha tunda
ao profeta Xeremías e meteuno no cepo que
hai no templo do Señor xunto a porta maior
de Benxamín. [3]O día seguinte Paxhur sacou a
Xeremías do cepo e entón díxolle Xeremías:

—O Señor non te chama Paxhur, senón Ma-
gor Misabib. [4]Así fala o Señor: Olla que eu
te constitúo en terror para ti e para todos os
teus amigos, que caerán debaixo da espada
dos seus inimigos e os teus ollos hano de ver,
e entregarei a todo Xudá no poder do rei de
Babilonia, que os levará cativos a Babilonia
e os matará a espada. [5]Entregareille todas as
riquezas desta cidade, todo o froito do seu es-
forzo, todas as súas cousas apreciadas e todos
os tesouros dos reis de Xudá: entregaréillelos
ao poder dos seus inimigos, que os saquearán,
roubarán e levarán a Babilonia. [6]E ti, Paxhur,
e todos os que viven na túa casa iredes á cati-
vidade; ti entrarás en Babilonia, onde morre-
rás e serás enterrado, ti e mais todos os teus
amigos para os que profetizaches en falso.

### Lamentación individual: profunda crise do profeta

[7]Señor, seducíchesme e deixeime seducir;
collíchesme e puideches comigo.
Sirvo acotío de burla;
a destrución é o meu pan.
[8]Sempre que falo,
teño que proclamar: Desastre!;
teño que clamar: Destrución!
A palabra do Señor volveuse
para min un escarnio, unha burla continua.
[9]Se digo: Non me vou acordar máis del,
non falarei máis no seu Nome,
entón a súa palabra vólvese
coma un lume abrasador no meu corazón,
un lume prendido nos meus ósos:
fago forza por apagalo,
pero non son capaz.

**19**, 10-13 A destrución da ola comprada a un dos dirixentes do pobo é un xesto simbólico-profético que anuncia a destrución do pobo de Xerusalén e de Xudá. A idolatría volve inmundos os lugares, e esta inmundicia móstrase en que é nos cemiterios onde se exerce a idolatría.

**19**, 14-**20**, 6. Os dous primeiros vv. teñen a función de preparar a escena seguinte, e posiblemente sexan redaccionais. Os vv. 20, 1-2 son o relato do prendemento do profeta, da tunda e da tortura, presentándonos ao autor moral de todo isto: un sacerdote-profeta coa función que despois do exilio terá o sumo sacerdote: polo tanto, un home en boas relacións coa monarquía. Nestas experiencias de dor e humillación, o profeta recibe un oráculo, a concreción dos castigos de Xerusalén e Xudá: a deportación a Babilonia, por isto o oráculo de castigo individual a Paxhur. O cambio de nome (v. 3) refírese a que Paxhur será causa de terror (o novo nome significa etimoloxicamente "Terror Arredor"), pois coa actitude de apoio en falsas seguridades, acabarán na cativiade e na morte violenta, no saqueo do templo e do pazo do rei. É este un exemplo de oráculo de castigo, individual e colectivo a mesmo tempo.

**20**, 7-13 Este salmo de lamentación individual, do máis forte e atrevido que contén a Biblia, quizais fose froito das reflexións e sentimentos do profeta na noite que pasou no cepo (v. 2). O salmo comeza cunha dorida queixa (vv. 7-9) que aos oídos dun cristián case pode soar a blasfemia, coa que o profeta se queixa contra Deus por entender a súa vocación coma un forzamento. Xeremías pensa entón en abandonar o profetismo, pero, porque está en oración, a palabra de Deus resúltalle algo irresistible (lume abrasador), e os seus plans (= corazón: v. 9), coma o seu espírito (= ósos), avívanse. No v. 12 presenta a crise provocada polos seus mesmos seguidores, que o abandonan. Os vv. 11-12 son unha súplica chea de esperanza en Deus. A lamentación individual conclúe cun pequeno canto de loanza a Deus, sen dúbida despois de recibir o oráculo dos vv. 3-6.

**20**, 7 *Seducíchesme*: O mesmo vocábulo serve en Éx **22**, 15 para expresar a sedución sexual dunha moza, cousa que volve a expresión próxima á blasfemia, pois deixa entrever en Deus violencia e engano. O home relixioso, cando ora, non mide as palabras coma un xurista ou un filósofo, pois a confianza con Deus autoriza estas liberdades.

**20**, 9 A mesma violencia que vimos no v. 7, aparece aquí referida á palabra de Deus, que embarga o corazón (pensamento) e o espírito (ósos) do home a quen Deus se lle comunica.

10 Xa estou oíndo a sentenza,
aumenta o terror ao arredor:
"Denunciádeo, denunciémolo".
Todos os que se fiaban
da miña mensaxe de paz,
agardan a miña caída:
"A ver se se deixa seducir:
poderemos con el, e vingarémonos del".
11 Polo Señor suspiro,
como por un forte loitador;
por isto os meus perseguidores caen,
non me poden.
Quedarán cubertos de vergonza
porque non tiveron éxito,
non deixarán esquecida
esta vergonza perpetua.
12 Señor dos Exércitos,
que pos a proba o xusto,
que ves os sentimentos
e mais as intencións,
eu hei ver como te vingas deles,
pois a ti encomendei o meu preito.
13 Cantádelle ao Señor, loade o Señor,
pois libra a vida dun pobre
do poder dos malvados.

### Elexía pola propia sorte

14 Maldito o día en que nacín!
O día en que me pariu a miña nai
non sexa bendito!
15 Maldito o home
que lle deu boas novas a meu pai:
"Naceuche un fillo home".
Que alegría lle deu!
16 Oxalá se volvese este home
coma as cidades
que sen piedade destruíu o Señor;
oxalá oíse berros de mañá
e o fragor da loita ao mediodía.
17 Por que non me matou
cando estaba no ventre?
A miña nai sería a miña sepultura;
o seu ventre, unha preñez para sempre.
18 Por que saín do ventre
para ver traballos e aflicións?
Por que os meus días
se consomen na vergonza?

### Anuncio da caída de Xerusalén

**21** 1 Palabra que da parte do Señor lle veu a Xeremías, cando o rei Sedecías mandou onda el a Paxhur, fillo de Malaquías, e ao sacerdote Sefanías, fillo de Maseías, para lle dicir: 2 –Por favor, consúltalle ao Señor da nosa parte, por que Nabucodonosor, rei de Babilonia, nos está atacando. Quen nos dera que o Señor nos tratase segundo as súas intervencións prodixiosas e o volvese incapaz de nos atacar!

3 E Xeremías díxolles: –A Sedecías transmitídelle isto: 4 "Así fala o Señor, Deus de Israel:

As armas que tedes nas vosas mans e coas que loitades, devólvollas eu ao rei de Babilonia e aos caldeos que vos cercan desde fóra da muralla, e heinas de xuntar no medio desta cidade. 5 Eu en persoa loitarei contra vós, coa man estendida e con brazo forte, con ira, con saña e con grande rabia. 6 Farei ferir os habitantes desta cidade, homes e animais, que morrerán dunha gran peste. 7 Despois disto –é o Señor quen fala– hei entregar a Sedecías, rei de Xudá, os seus servidores, o pobo, e os que nesta cidade queden con vida da peste, da espada e da fame, heinos de entregar nas mans de Nabucodonosor, rei de Babilonia, nas mans dos seus inimigos, e nas mans dos que atentan contra a súa vida. El pasaraos polo fío da espada, sen piedade, nin respecto, nin compaixón".

### Invitación á deserción do pobo asediado

8 A este pobo haslle dicir: "Así fala o Señor: Vede que poño diante de vós o camiño da vida e o camiño da morte: 9 o que siga

**20**, 12 Cf nota a **11**, 20.
**20**, 13 Esta conclusión dos salmos de lamentación individual con elementos hímnicos supón que antecede un oráculo salvífico, que aquí non pode ser outro ca o dos vv. 3-6; aínda que é un oráculo de castigo para un grupo, debeu ter a súa parte de oráculo salvífico para o profeta.
**20**, 14-18 Estes vv. son unha elexía á propia mala sorte do profeta; non se nos indican as circunstancias nas que o profeta a compuxo. Un cristián, ao ler estes textos, ha de lembrarse de que a revelación é un proceso que acaba na morte e resurrección de Xesús e na súa vida de resucitado na primeira Igrexa; pero pode observar que, ante o problema da dor (aquí moral), a persoa non maldí a Deus, senón que maldí o seu vivir. Un texto semellante é o de Xob **3**. Sobre a resposta a Xer, cf **15**, 19-21.
**20**, 17 *Unha preñez para sempre*: lit. "empreñado para sempre".

**21**, 1-7 Este oráculo, coa súa introdución, data do ano 588, durante o asedio de Xerusalén, e colocouse aquí polas referencias a Paxhur, fillo de Malaquías (e non de Imer como di **20**, 1). Os asediados esperan a axuda de Exipto, que non chega: por isto consultan o profeta (vv. 1-2). A resposta (vv. 3-7) é un oráculo de castigo, no que, máis que acusar, anúnciase un futuro desastroso. Aquí o profeta presenta a caída de Xerusalén como obra do poder de Iavé (vv. 5-7).
**21**, 8-10 Este oráculo debe considerarse colectivo, aínda que contén un delito de alta traizón, confirmado por **38**, 2-4. Aínda máis: o vocábulo "am", do v. 8, que traducimos por "pobo", pode ter aquí o sentido de "exército", coma noutros lugares. Por outra parte, a elexía de **20**, 14-18 ten que ter unha base moi seria. No fondo, a intención deste oráculo é salvífica.

vivindo nesta cidade morrerá de espada, de
fame e de peste; o que saia e se renda aos
caldeos, que vos están asediando, vivirá: así,
cando menos, conservará a súa vida como
botín. [10]Poño a miña ira nesta cidade para
mal e non para ben –é o Señor quen fala–
e entrégoa na man do rei de Babilonia, para
que a queime con lume".

## A MONARQUÍA DE XUDÁ

### Principais obrigacións da casa real

[11]Ollade, casa do rei de Xudá,
escoitade a palabra do Señor;
[12]casa de David, así fala o Señor:
Examinadores, administrade a xustiza,
librade o oprimido da man do opresor;
se non, a miña ira xurdirá coma lume,
queimará e non haberá quen a apague,
por mor da maldade dos seus feitos.
[13]Velaquí estou contra ti,
que dominas nos fortes
e es a rocha dos xustos
–é o Señor quen fala–,
vós sodes os que dicides:
"Quen baixará contra nós?
Quen entrará nos nosos casais?".
[14]Eu castigareivos
conforme o froito das vosas accións
–é o Señor quen fala–.
Prendereille lume ao seu bosque,
e o lume consumirá todo no arredor.

**22** [1]O Señor díxome isto: –Baixa ao palacio do rei de Xudá, e proclama alí esta palabra. [2]Dilles: "Escoita a palabra do Señor, rei de Xudá, que sentas no trono de David, ti, os teus servidores, e o pobo que entra por estas portas. [3]Así fala o Señor: Practicade o dereito e mais a xustiza, librade o oprimido da man do opresor; non oprimades nin tratedes con violencia o estranxeiro, o orfo e a viúva; non vertades sangue inocente neste lugar. [4]Ollade que se de verdade cumprides este precepto, entón poderedes entrar polas portas deste palacio os reis que, despois de David, vos sentades no seu trono, montados en carrozas e en cabalos, acompañado cada un dos seus servos e do seu pobo. [5]Se non facedes caso destas recomendacións, xuro por min mesmo –é o Señor quen fala– que este palacio se converterá nun palacio en ruínas".

[6]Así fala o Señor contra o palacio real de Xudá:

Ti es para min coma Galaad,
coma o cume do Líbano;
pero olla que te vou converter
nun deserto, en cidade deshabitada;
[7]vou consagrar os destrutores
que virán contra ti,
a cada un e mais o seu armamento:
eles cortarán o mellor dos teus cedros
e botaranos ao lume.

[8]Pasarán diante desta cidade moitos pobos xentís, e cada un diralle ao seu compañeiro: "Por que lle fixo isto o Señor a esta gran cidade?". [9]E responderanlles: "Porque abandonou o pacto do Señor, seu Deus, para adorar e dar culto a deuses alleos".

### Elexía polo desterro de Xalum

[10]Non choredes por quen está morto,
nin poñades loito por el;
chorade a lágrima viva polo que marcha,
sabede que non volverá outra vez
nin volverá ver a terra onde naceu.
[11]Pois isto é o que lle di o Señor a Xalum,
fillo de Ioxías, rei de Xudá, que sucede a
seu pai, Ioxías, no reinado: O que saíu des-
te lugar, non volverá aquí outra vez, [12]pois
morrerá no lugar a onde o desterraron e non
volverá ver esta terra.

**21**, 11-**23**, 8 Un redactor xuntou estes oráculos individuais ou de grupo, de épocas distintas, e relativos ás funcións rexias, aos reis contemporáneos e ás perspectivas de futuro da monarquía en Xudá. O mesmo redactor organizou cronoloxicamente os que teñen elementos datables.

**21**, 11-**22**, 9 Estes textos serven de introdución a toda a sección, presentando as obrigas da monarquía, sen personalizar en ningún rei. Consta de dúas unidades: a) **21**, 11-14, en poesía, presenta as súas obrigas de ser o medio elixido por Deus para que o pobo viva fiel á alianza (= Xustiza) e non exista a opresión, cousa que recomenda con ameazas; b) **22**, 1-9, en prosa (excepto os vv. 6-7), e con frases máis próximas ao ton exhortativo do Dt.

**21**, 12 *Por mor da maldade dos seus feitos*: glosa explicativa que falta no texto grego.

**21**, 13 *Contra ti*: refírese ao colectivo da casa (= familia) do rei, que son oíntes: os fortes, os poderosos.

*Rocha dos xustos*: tamén é aquí un título da casa real, e significa o que protexe e dá seguridade aos xustos (tamén colectivo).

**21**, 14 *O bosque*: algúns refíreno ás columnas do palacio real e do templo, pero pode ser unha imaxe para significar o rei, os principais responsables, pois está en contraposición con "o arredor", referido ao pobo.

**22**, 2 *Que sentas*: as funcións rexias simbolízanse no estar sentado no trono.

**22**, 7 *Consagrar*: aquí ten o sentido de os converter en instrumentos da acción punitiva de Deus.

**22**, 10-12 Este texto está composto dunha elexía (v. 10) e un oráculo de castigo, introducido coas circunstancias históricas (v. 12).

### Contra Ioaquim

13 Ai do que constrúe
a súa casa inxustamente,
e as estancias de arriba inicuamente;
usa como escravo gratuíto o seu próximo,
a quen traballa para el non lle dá o seu.
14 Este é o que di:
"Voume facer unha casa ben grande,
unhas habitacións ben amplas";
alóngalle as súas fiestras,
faina de cedro e píntaa de encarnado.
15 Acaso vas ser rei
por superar aos demais no cedro?
O teu pai acaso non comeu e bebeu?;
practicou o dereito e a xustiza,
e por isto lle foi ben.
16 Xulgou a causa do coitado e do pobre
e entón foille ben.
Non consiste nisto coñecerme a min?
–é o Señor quen fala–.
17 Pero ti non tes ollos nin corazón
máis que para a túa tallada;
para o sangue inocente co fin de vertelo,
para a opresión e para a violencia
co fin de practicala.
18 Por iso así lle di o Señor a Ioaquim,
fillo de Ioxías, rei de Xudá:
Non chorarán por el:
"Ai, meu irmán, ai miña irmá!".
Non se lamentarán por el:
"Ai Señor! Ai, Maxestade!".
19 Enterrarase co enterro dun burro,
será arrastrado e botado
fóra das portas de Xerusalén.

### Anuncio da caída de Xerusalén antes do ano 598

20 Sube ao Líbano e berra,
dá gritos en Baxán,
berra desde Abarim,
porque esnaquizaron os teus amantes.
21 Faleiche cando a túa prosperidade,
e respondíchesme: "Non quero escoitar".
Este é o xeito de te comportares
desde a túa mocidade:
non escoitaches a miña voz.
22 O vendaval apacentará
a todos os teus pastores,
e os teus amantes irán á catividade;
entón si que te vas avergonzar,
vaste sentir aldraxada
por toda a túa ruindade.
23 Eu habito no Líbano,
eu teño o niño nos cedros:
como aguantarás
cando che veñan as dores
e o retorcéreste coma no parto?

### Oráculos e elexía acerca de Ieconías

24 Pola miña vida –é o Señor quen fala–
aínda que Ieconías, fillo de Ioaquim, rei de Xudá, fose o anel da miña dereita, si que te sacaría de aí 25 e te entregaría nas mans dos que atentan contra a túa vida, nas mans ante as que ti sentes angustia, na man de Nabucodonosor, rei de Babilonia e nas mans dos caldeos. 26 Logo botareite a ti e mais a túa nai, a que te pariu, a outro país, onde non nacestes, e morreredes alí. 27 Mais á terra onde con toda alma desexan volver, nunca volverán.
28 Este tal Ieconías é acaso unha vasilla
artística desprezable e escachizada?
É unha xerra onde non hai arte?
Por que o botaron fóra
a el e mais a súa descendencia?
Por que os afastaron
nun país que non coñecían?
29 Cidade, cidade, cidade,
escoita a palabra do Señor!
30 Así fala o Señor:
Inscribide este home como "sen fillos",
home que na súa vida non ten sorte,
pois non consegue
un da súa descendencia
para que se poida sentar
no trono de David,
para que poida mandar de novo en Xudá.

**22**, 13-19 O texto consta dun ai de maldición ou acusación (vv. 13-17): refírese ás construcións dos primeiros anos do reinado de Ioaquim, que realizou con prestación persoal obrigatoria para o pobo de Xerusalén. O profeta contrasta esta actitude do rei coa de seu pai Ioxías, rei xusto e celoso da reforma relixiosa, na que colaborou o profeta. A acusación acaba co anuncio de castigo da súa morte sen sepultura. En 2 Cro **36**, 6, lese que o levou Nabucodonosor para Babilonia, cargado de cadeas.
**22**, 20-23 Trátase dunha elexía pola caída de Xerusalén, personificada na figura feminina que o texto hebreo reflicte mellor; a súa presenza nesta sección relativa aos reis de Xudá débese á referencia aos pastores (= reis) do v. 22. Pola súa posición entre o oráculo para Ioaquim e o de Ieconías (Ioaquín), a catividade hase de referir á deportación do 597.
**22**, 20 A subida e os berros queren indicar a proclamación xeral da dor de Xerusalén polo desastre dos seus aliados (lit. "amantes").
**22**, 22 *O vendaval apacentará*: coma o vendaval, o vento apacentará levando sen rumbo.
**22**, 23 A referencia ao Líbano e aos cedros, quere expresar a seguridade na que confía Xerusalén, o seu carácter de cidade inexpugnable pola súa xeografía e pola presenza do templo. A elexía responde a estes pensamentos da cidade, anunciándolle angustias coma as do parto.
**22**, 30 O oráculo quere expresar, non que non tivo fillos, senón que os seus fillos non terán máis relación con Xudá e non serán reis.

**Os pastores escorrentan o rabaño, pero o Señor reunirao**

**23** [1]Ai dos pastores que deixan que se
perda o rabaño e que o espantan do
meu pasteiro! –é o Señor quen fala–. [2]Por
isto, así lles fala o Señor, Deus de Israel, aos
pastores que apacentan ao meu pobo: Vós es-
pantades as miñas ovellas, escorrentádelas e
non coidades delas; ollade que eu vos pedirei
contas da maldade dos vosos feitos –é o Se-
ñor quen fala–.
[3]Eu xuntarei o resto das miñas ovellas,
traéndoo de todos os países a onde as espa-
rexín, e fareinas volver aos seus pasteiros,
onde criarán e se multiplicarán. [4]Para elas
constituirei pastores que as apacenten, de
xeito que xa non volvan ter medo, nin se
espanten, nin se perda ningunha –é o Señor
quen fala–.
[5]Ollade que chegan os días
–é o Señor quen fala–
en que farei abrollar de David
un fillo lexítimo,
será rei de verdade
e comportarase con prudencia,
administrará o dereito e a xustiza no país.
[6]Desde os seus días Xudá vivirá a salvo,
e Israel vivirá en paz.
O título que se lle dará será este:
"O Señor é a nosa xustiza".
[7]Por iso velaí chegan os tempos –é o Se-
ñor quen fala–, cando xa non se dirá: "Vive
o Señor, que fixo subir os fillos de Israel do
país de Exipto", [8]senón: "Vive o Señor, que
fixo subir e que trouxo a descendencia da
casa de Israel, desde o país do norte e desde
todos os outros países a onde os botara, para
que vivan na súa terra".

## SECCIÓN ACERCA DOS FALSOS PROFETAS

**Os profetas falsos, responsables dos males do país**

[9]Profeta! Desfáiseme o corazón
dentro do peito,
tremen todos os meus ósos;
estou coma un borracho, coma un home
a quen se lle subiu o viño,
por mor do Señor,
por mor dos seus santos preceptos.
[10]Velaí o país cheo de adúlteros.
Pola presenza dunha maldición
o país está reseco,
secan os pasteiros do deserto.
Porque o seu xeito de comportarse
é a maldade,
e a súa forza é o que non existe.
[11]Tanto os profetas coma os sacerdotes
son uns impíos,
mesmo na miña casa atopei a súa ruindade
–é o Señor quen fala–.
[12]Por iso, o seu camiño converteráselles
nun escorregadoiro:
serán empurrados ao barranco e caerán nel,
pois eu traerei contra eles a desgraza,
o ano en que lles pida contas
–é o Señor quen fala.

**Xuízo contra os profetas de Xerusalén**

[13]Nos profetas de Samaria
observei unha loucura:
profetizaron no nome de Baal
e deste xeito extraviaron

**23**, 1-8 Os dous primeiros textos deste grupo (vv. 1-4 e 5-6), e probablemente o terceiro (vv. 7-8), proveñen do tempo do rei Sedecías (anos 597-587). O primeiro está constituído por un oráculo salvífico (vv. 3-4), contrastado cun ai e un oráculo de xuízo de castigo contra os pastores que espantan as ovellas (vv. 1-2).
**23**, 1 *Do meu pasteiro*: o pasteiro vén ser a relixiosidade que leva á fidelidade á alianza, pois é da fidelidade a Iavé o Deus que "fai ser" e que dá a vida, de onde provén a vida do seu pobo.
**23**, 4 O pensamento da persistencia da monarquía davídica, aínda que non é tan capital para Xer coma para Is ou Miq, coexiste cos oráculos de castigo contra a monarquía do seu tempo.
**23**, 5-6 Constitúen un oráculo salvífico e mesiánico, no que se cumprirá o ideal monárquico e será a realización perfecta do que significa o nome do rei reinante Sedecías ("Iavé é a xustiza").
**23**, 5 *Será rei de verdade*: lit. "un rei será rei", "un rei reinará".
**23**, 6 *En paz*: na fartura, pois o que el realizará servirá de medio para que Iavé xustifique ao seu pobo.
**23**, 7-8 Estes vv. atópanse literalmente en **16**, 14-15, e semellan obra de Xer.
**23**, 9-12 Oráculo de xuízo de castigo contra os falsos profetas, aos que se fai responsables dos males do país, e se lles anuncia o fracaso. O v. 9 é expresión do celo e obsesión do profeta polo cumprimento dos preceptos de Iavé. A fidelidade a El serve para introducir a acusación.
**23**, 9 *Desfáiseme... meus ósos*: o corazón, como raíz dos pensamentos, e os ósos como asento do espírito (Ecl **11**, 5) e da enerxía interior da persoa, tremen e desfanse, o que é sinal da furia interior, coma a dun borracho, que o profeta experimenta polo respecto ao Señor e polo cumprimento dos mandamentos (cf nota a **17**, 10).
**23**, 10 A proliferación da idolatría (lit. "adulterio") provoca a seca que é maldición para o pobo.
**23**, 11 *Profetas* e *sacerdotes* aparecen aquí vinculados, o que nos fai pensar nos profetas cúlticos, e en concreto nos profetas oficiais do templo e da monarquía (cf v. 15).
**23**, 13-15 Oráculo de xuízo de castigo.

o meu pobo, Israel.
[14]Nos profetas de Xerusalén
estou vendo algo máis horrible:
quebrantan a súa fe
e seguen aos que son mentira,
apoian o partido dos malvados,
para que ninguén volva da súa maldade.
Considéroos a todos eles coma a Sodoma,
e aos veciños de Xerusalén
coma a Gomorra.
[15]Por iso, así lles fala
o Señor dos Exércitos aos profetas:
Vouvos dar asente para comer,
e bágoas para beber,
porque dos profetas de Xerusalén
é de onde sae a irrelixiosidade
para todo o país.

### Exhortación a abandonar os falsos profetas

[16]Así fala o Señor dos Exércitos:
Non lles fagades caso aos profetas
que vos están profetizando,
son eles os que vos enganan.
Anuncian visións que saen
da súa cabeza,
non mensaxes da parte do Señor.
[17]Repítenlles unha e outra vez
aos que desprezan a palabra do Señor:
"Teredes fartura";
e a todos cantos seguen a obstinación
do seu corazón:
"Non vos virá desgraza ningunha".
[18]Pois, quen estivo presente
no concello do Señor,
para percibir e escoitar a súa palabra?
Quen puxo atención á súa palabra,
para lle facer caso?
[19]Ollade a tormenta do Señor:
irrompe a calor da súa ira,
arremuíñase a tormenta,
dá voltas sobre a cabeza dos malvados.
[20]Non se retirará a ira do Señor,
ata que poña por obra os plans
da súa mente e os cumpra.
Soamente ao final destes días
caeredes ben na conta.
[21]Eu non mandei estes profetas
a profetizar, pero eles correron;
eu non lles falei, pero eles profetizaron.
[22]Se estivesen presentes no meu concello,
faríanlle oír ao meu pobo a miña palabra,
e arredaríano do seu mal camiño,
e da ruindade dos seus feitos.

### Oráculo de acusación contra os falsos profetas

[23]Acaso son Eu soamente Deus dos de cerca –é o Señor quen fala– e non tamén Deus dos de lonxe? [24]Acaso non son eu quen enche o ceo e mais a terra? –é o Señor quen fala–.

[25]Escoitei o que din eses profetas que profetizan mentiras no meu Nome, cando claman: "Tiven un soño profético, tiven un soño". [26]Acaso o destino da miña xente está no corazón destes profetas que profetizan a mentira e vaticinan os enganos do seu corazón? [27]Estes son os que cos seus soños que cada un lle conta ao seu veciño proxectan facer que o meu pobo esqueza o meu Nome, o mesmo que seus pais esqueceron o meu Nome polo de Baal.

**23**, 14 *Quebrantan a súa fe* (lit. "adulteran"): referencia á idolatría. *Os que son mentira*: os ídolos.
*Partido*, en sentido político: os que procuran a salvación do país con alianzas políticas.
**23**, 15 *Bágoas*: lit. "augas da cabeza". As bágoas son amargas (salgadas), física e moralmente, coma o asente.
**23**, 16-22 Estes vv. forman un poema de exhortación ao pobo a deixar os falsos profetas. O Señor non os mandou nin lles falou, aínda que eles corren a profetizar (v. 21); a súa mensaxe non vén de parte de Deus, senón do seu interese (v. 16). Non estiveron presentes na asemblea de Iavé cos anxos (v. 18), pois se estivesen, afastarían o pobo do seu mal camiño e proclamarían a palabra (mandamento) do Señor (v. 22). Anuncian a fartura aos que desprezan a palabra do Señor, cousa imposible segundo a alianza (v. 17); pero o castigo do Señor sobre eles descubrirá os verdadeiros plans de Deus (vv. 19-20).
**23**, 16 *Que saen da súa cabeza*: lit. "visións do seu corazón" (cf notas a **17**, 10 e **23**, 9).
**23**, 18 *Concello do Señor*: é unha imaxe mítica do concello dos deuses, que se conserva na poesía hebrea para significar as decisións divinas. Nesta asemblea participaban os anxos, e a ela era admitido o profeta na súa experiencia místico-profética.
*Súa palabra*: non "miña palabra", como traducen outros.
**23**, 19 O profeta xoga coa imaxe da tormenta que xorde despois da calor, para expresar a ira de Deus, pois o termo hebreo ten o dobre sentido de ira e calor. Traducímolo por "a calor da ira".
**23**, 21 *Mandei* ir. O vocábulo hebreo empregado é o termo técnico da misión profética ou dun embaixador.
**23**, 23-32 Nestes vv. atopamos un oráculo onde a acusación dos falsos profetas o abrangue todo. Soamente aparece como anuncio de castigo a fórmula, repetida nos vv. 30-32, "aquí estou Eu contra os profetas", e seguen novas acusacións. Os vv. 23-26 fannos pensar que este oráculo pertence ao tempo de Sedecías, pois xa hai "os de lonxe" e hai "a miña xente". O autor insiste nas diferenzas entre a experiencia do verdadeiro profeta-místico, que experimenta o lume purificador e a forza irresistible (martelo...: v. 29) da palabra de Deus e os soños dos falsos profetas (vv. 25.32), que buscan que o pobo se esqueza de Iavé, adéstranse en vaticinar oráculos (formación literaria), e róubanse os oráculos uns aos outros, descoidando a fidelidade á palabra.
**23**, 26 *O destino da miña xente*: lemos: "od metai", en vez de "ad matai", que non ten sentido.

[28]O profeta que ten un soño,
que conte o seu soño;
e o que recibe a miña palabra,
que a proclame con exactitude.
Que ten que ver a palla co gran?
–é o Señor quen fala–.
[29]O que a miña palabra transmite
é coma o lume –é o Señor quen fala–;
é coma o martelo
que esnaquiza un penedo.

[30]Por iso, aquí estou eu –é o Señor quen fala– contra estes profetas que se rouban uns aos outros as miñas palabras. [31]Aquí estou eu –é o Señor quen fala– contra estes profetas que exercitan a súa lingua para vaticinar oráculos. [32]Aquí estou eu –é o Señor quen fala– contra os profetas de soños mentireiros, que eles contan para extraviar o meu pobo coas súas mentiras e toladas. Pois nin eu os constituín profetas nin os mandei, nin lles valen absolutamente de nada a este pobo –é o Señor quen fala–.

[33]Cando este pobo ou o profeta ou o sacerdote che pregunta: "Cal é a carga do Señor?", ti hasLles responder: "Vós sodes a carga e eu vouvos abandonar" –é o Señor quen fala–.

[34]Se o profeta ou o sacerdote ou este pobo volven dicir: "A carga do Señor", eu pedireille contas a ese tal e á súa casa. [35]Habedes de falar así, cada un co seu veciño ou co seu irmán: "Que responde o Señor? Que di o Señor?". [36]Non repitades nunca máis "a carga do Señor", porque a carga de cada un de vós será a súa propia palabra para terxiversar as palabras do Deus da vida, o Señor todopoderoso, o noso Deus. [37]Ao profeta fálalle así: "Que che respondeu o Señor? Que che dixo o Señor?". [38]Pero se repetides "carga do Señor", entón, así fala o Señor: Por dicirdes esta palabra "carga do Señor", sendo así que eu vos mandei dicir: "non digades carga do Señor", [39]velaquí que vos hei levantar en peso e arrebolar lonxe da miña presenza a vós e esta cidade que vos dei a vós e a vosos pais, [40]e hei mandar sobre vós un escarnio e un castigo perpetuo que non se esquecerá.

### A visión dos dous cestos de figos: o verdadeiro pobo de Deus é o dos deportados

**24** [1]Aparecéuseme o Señor, e vin dous cestos de figos que eran as súas testemuñas diante do templo do Señor. Foi despois de que Nabucodonosor, rei de Babilonia, fixo deportar de Xerusalén a Ieconías, fillo de Ioaquim rei de Xudá, aos principais de Xudá, aos ferreiros e cerralleiros, e os levou a Babilonia. [2]Un dos cestos contiña figos mellores que as béveras, e o outro cesto contiña figos tan malos que non se podían comer.

[3]Entón díxome o Señor: –Que estás vendo, Xeremías?

Repuxen: –Dúas clases de figos. Os figos bos son moi bos, e os ruíns son tan ruíns que non se poden comer.

[4]Veume entón a palabra do Señor e díxome: [5]–Así fala o Señor, Deus de Israel: Igual que estes figos son bos, así tamén eu me preocuparei dos desterrados de Xudá, que botei deste lugar á terra dos caldeos. [6]Poñerei neles os meus ollos para o ben, volvereinos traer a esta terra: edificareinos, e non os hei destruír; plantareinos, e non os hei arrincar. [7]Dareilles corazón para me coñecer: eu serei o Señor, e eles serán o meu pobo. Eu serei o seu Deus, e volverán a min con todo o seu corazón.

[8]O mesmo que estes figos ruíns, que de tan ruíns non se poden comer –así fala o Señor–, igual tratarei eu a Sedecías, rei de Xudá, aos seus principais e ao resto de Xerusalén, que quedou neste país, e aos que viven en Exipto. [9]Heinos converter en algo arrepiante, desgraciados ante todos os reinos da terra, obxecto de aldraxes e de coplas, tema de escarnios e maldicións, en todos os lugares a onde os dispersei. [10]Mandarei contra eles a espada, a fame e a peste, ata que desaparezan de sobre a terra, que lles dei a eles e a seus pais.

**23**, 28 *Que ten que ver a palla co gran?*: proverbio popular, traído para destacar a importancia do contido sobre a forma ou expresión.

**23**, 33-40 Chámaselle "carga" ao oráculo (vv. 33), pois os oráculos de Xeremías viñan sendo, desde finais do s. VII, oráculos de castigo.

**24**, 1-10 Trátase literariamente dunha visión profética con base física: figos que se vendían no mercado do templo. A referencia cronolóxica (v. 1b) quere expresar o fondo do problema: dúas comunidades sen testemuñas da presenza e acción de Iavé no santuario. No v. 3 comezan as preguntas clásicas, que buscan matizar o aspecto simbólico da visión que constitúe a base do oráculo. Nos vv. 5-10 temos a clarificación oracular da visión, con dous oráculos paralelos: un salvífico, para os deportados (vv. 5-7); e outro de castigo, para Sedecías e para o resto do pobo que quedou en Xudá e en Exipto. A visión é unha resposta teolóxica a un problema dos anos 597-588: quen é o verdadeiro pobo de Deus, herdeiro das promesas e bendicións divinas?

**24**, 1 *Testemuñas*: os figos diante do templo son testemuña da presenza e da acción de Iavé.

**24**, 6 *Poñerei... os meus ollos*. Os ollos: expresión do interese ou cobiza (cf **6**, 22; Dt **16**, 9. 18).

### As interpretacións dos sinais dos tempos: castigo divino por mans dos caldeos

**25** [1]O ano cuarto de Ioaquim, fillo de Ioxías, rei de Xudá, que foi o ano primeiro de Nabucodonosor, rei de Babilonia, veulle a Xeremías este discurso para todo o pobo. [2]O profeta Xeremías anuncióullelo a todo o pobo de Xudá e a todos os veciños de Xerusalén, dicíndolles: [3]–Desde o ano trece de Ioxías, fillo de Amón, rei de Xudá, ata hoxe estame vindo a palabra do Señor e véñovos falando, madrugo para falarvos; pero non facedes caso. [4]O Señor mandouvos os seus servos, os profetas, madrugou para mandárvolos; pero non fixestes caso nin prestastes o voso oído para escoitar. [5]Véñovos dicindo: "Volvédevos cada un do seu mal camiño e da ruindade dos vosos feitos e vivide na terra, que desde sempre e para sempre vos deu o Señor a vós e a vosos pais. [6]Non vos vaiades tras deuses alleos, nin os sirvades e adoredes, nin me enchades de ira coas obras das vosas mans, e deste xeito non vos farei mal". [7]Pero non me fixestes caso –é o Señor quen fala–, e enchéstesme de ira coas obras das vosas mans, para a vosa desgraza. [8]Por iso, así fala o Señor dos Exércitos: Xa que non fixestes caso da miña palabra, [9]velaquí que eu pola miña conta –é o Señor quen fala– envíovos todas as tribos do norte e mais a Nabucodonosor, rei de Babilonia, o meu servo; heinos de traer contra esta cidade e os seus habitantes e contra todos os pobos que están ao seu arredor, e consagrareinos á destrución total; heinos converter nunha vergonza, nunha burla e nunha ruína para sempre. [10]Farei desaparecer entre eles os berros de alegría e os berros de gozo, as cántigas dos mozos, as cántigas das mozas, o ruído das pedras de moer e a luz do candil. [11]Todo este país será unha desolación e un estrago, e todos estes pobos serán servos do rei de Babilonia durante setenta anos. [12]Pero cando se cumpran os setenta anos, heilles pedir contas ao rei de Babilonia e ao seu pobo das súas iniquidades, o mesmo que ao país dos caldeos, que converterei nunha desolación para sempre. [13]E cumprirei con este país todas as ameazas que contra el pronunciei. Cumprirei todo o escrito neste libro, que contén o que Xeremías profetizou contra todos os pobos. [14]Xa que eles escravizaron a moitos pobos e a grandes reis, tamén eu lles pagarei conforme os seus feitos e as obras das súas mans.

### O profeta failles beber a cunca do viño envelenado ás nacións

[15]O Señor, Deus de Israel, díxome isto:

–Cólleme esta cunca de viño, colle da miña man este veleno: fáillelo beber a todos os pobos, aos que eu che mando. [16]Que beban, que vomiten a borracheira, que enlouquezan ante a espada que eu boto entre eles.

[17]Collín a cunca da man do Señor, e deilles de beber a todos os pobos aos que o Señor me mandou. [18]Deilles de beber a Xerusalén e ás cidades de Xudá, aos seus reis e aos seus nobres, para os converter nunha ruína desoladora, en mofa e en maldición tal como hoxe están. [19]Deilles de beber ao Faraón, rei de Exipto, aos seus criados, aos seus principais, a todo o seu pobo, [20]e a todos os seus sacerdotes; a todos os reis do país de Us, a

**25**, 1-14 A data á que se refire o v. 1 é o ano 605, no que acontece a batalla de Kárkemix, que dá o dominio de Medio Oriente aos caldeos; nesta mesma data, Xeremías compón e dá a coñecer o rolo, que constituíu o primeiro elemento do libro que conclúe neste capítulo. O discurso consta dunha acusación (vv. 3-7) de falta de fe e obediencia ás palabras de Xer e dos outros profetas (v. 4), ás chamadas á conversión (v. 5) e á prohibición dos cultos idolátricos; segue o anuncio de castigo interpretando teoloxicamente os sinais dos tempos: a vitoria caldea (vv. 8-11). Os vv. 12-13a anuncian o castigo de Babilonia, despois de 70 anos (símbolo dun período completo de purificación). Os vv. 13b-14 constitúen a introdución oracular ao libro que seguía: os oráculos contra as nacións pagás, pois nos LXX seguen a este c. os cc. **46-51**.

**25**, 3 *O ano trece* = a mesma data do relato vocacional (cf **1**, 2).

**25**, 9 *Pola miña conta envíovos*: dous perfectos proféticos, algo decidido no pasado que se está cumprindo.

*Pola miña conta*: lit. "collo".

*Consagrareinos á destrución total*: refírese á destrución que Deus decreta contra o seu pobo e contra Xerusalén, ao xeito da destrución na guerra santa.

**25**, 11 O número 70 non se debe coller como data fixa, aínda que coincida coa historia, senón que, para os semitas, ten valor simbólico de número perfecto, cantidade completa: ata purificar totalmente ao seu pobo.

**25**, 15-29 Algúns autores consideran este texto como unha visión profética, pero fáltanlle os elementos literarios da visión (cf **24**, 1ss). Máis ben "a cunca do viño, este veleno" é unha imaxe literaria da morte violenta (cf Mt **26**, 39-42 e paral.) que xa aparece en Ugarit, e que ten como base o feito de darlles aos axustizados un cocido amargo para evitarlles a dor e facerlles máis soportable a morte. O texto organízase así: orde de Deus, comunicada ao profeta (vv. 15-16): execución da orde, comezando por Xerusalén e Xudá, e pasando por todos os pobos do ámbito bíblico, para acabar co rei de Xexac (= Babilonia), que beberá despois deles (vv. 17-26); un oráculo de castigo, no que se explica que a cunca é a espada que Deus lanza no medio dos pobos (alusión ao imperio caldeo), da que, se non libra o Señor ao seu pobo, polo menos vai librar ao resto dos pobos (vv. 27-29).

**25**, 15 *Este veleno*: chámaselle así porque é a espada (vv. 16. 27), referida concretamente á dominación caldeo-babilónica.

todos os reis de Filistea: a Axquelón, a Gaza,
a Ecrón e ao que quedaba de Axdod. [21]Deilles
de beber a Edom, a Moab e aos amonitas; [22]a
todos os reis de Tiro, a todos os reis de Sidón
e aos reis da illa que está ao poñente do mar;
[23]a Dedán, a Temá e a Buz e a todos os que
levan a cabeza rapada polos lados. [24]A todos
os reis da Arabia, e a todos os reis do poñente
que viven na estepa; [25]a todos os reis de Zim-
rí, a todos os reis de Elam e a todos os reis
de Madai. [26]A todos os reis do norte, aos de
preto e aos de lonxe. A cada un despois do
outro, e a todos os reinos que viven na su-
perficie da terra, pero o rei de Xexac beberá
despois deles.

[27]–Haslles dicir: "Así fala o Señor dos
Exércitos, o Deus de Israel: Bebede, embo-
rrachádevos, trousade e caede, sen serdes
capaces de vos ter de pé, á vista da espada
que eu estou lanzando no medio de vós". [28]E
se refugasen coller a cunca da túa man para
beber, dilles: "Así fala o Señor dos Exércitos:
Beber si que haberedes beber. [29]Pois se
eu comezo a castigar empezando pola cidade
onde se invoca o meu Nome, ides quedar vós
libres? Non quedaredes libres, pois eu estou
reclamando a espada contra todos os habi-
tantes do mundo" –é o Señor dos Exércitos
quen fala.

### Xuízo do Señor contra as nacións e elexía polos pastores e os seus pobos

[30]Ti proclama contra eles todos estes orá-
culos e dilles:
O Señor roxe desde o alto,
lanza a súa voz
desde a súa santa morada;
roxe contra as súas posesións,
lanza berros,
coma os dos que pisan no lagar,
a todos os habitantes do mundo.
[31]A devastación chega ao cabo da terra,
xa que o Señor ten un preito cos pobos,
está xulgando a todos os homes,
e os culpables entregaraos á espada
–é o Señor quen fala–.

[32]Así fala o Señor dos Exércitos:
Velaí a desgraza
que salta dun pobo a outro pobo,
unha gran tempestade ponse en camiño
desde os extremos da terra.
[33]No día aquel os feridos de morte polo Se-
ñor estenderanse dun cabo ao outro da terra;
non se fará loito por eles, non serán retirados
nin enterrados; quedarán de esterco sobre a
tona da terra.
[34]Ouveade, pastores! Dade gritos!
Enzoufádevos na lama, xefes do rabaño!
Velaí cumpridos os vosos días
para serdes degolados;
eu fixenvos nadar na fartura,
pero vós caedes coma un vaso precioso.
[35]Perdeuse todo refuxio para os pastores,
e toda escapatoria
para os xefes do rabaño.
[36]Óense berros de desesperación
dos pastores, ouveos dos xefes do rabaño:
é o Señor quen está arruinando
os seus pasteiros.
[37]Desaparecen os pasteiros da fartura,
por causa do furor da ira do Señor.
[38]Coma o león deixa a súa cova,
así o país vólvese unha desolación,
por causa do furor do Poderoso,
por causa do furor da súa ira.

**25**, 23 *Dedán*... tribos sedentarias do norte de Arabia.
**25**, 25 *Zimrí*: lugar aínda non localizado.
**25**, 26 *Xexac* = criptograma equivalente a Babilonia, a xulgar polo valor numérico das letras dos dous nomes.
**25**, 27 A borracheira significa aquí a falta total de facultades humanas.
**25**, 30-38 Estes vv. conteñen dúas unidades poéticas vinculadas polas introducións oraculares: 30-31 e 32-38. A primeira é un canto ao xuízo de Deus, que se anuncia nos vv. 15-29, presentando a Deus coa imaxe do león que roxe contra a súa presa. A segunda, non obstante o seu carácter de oráculo de castigo, ten un ton máis de elexía polos desastres do xuízo de Deus, insistindo nas calamidades que chegarán aos pastores, aos reis (vv. 34-37).
**25**, 33 Sobre os caídos insepultos, cf nota a **7**, 33.
**25**, 38 Aquí o león non é un título de Iavé, senón que se comparan os ósos descarnados que o león deixa na súa cova coa devastación que deixa o xuízo do Señor no país: cadáveres desenterrados e descarnados (cf v. 33).

# ORÁCULOS SALVÍFICOS E EPISODIOS DA VIDA DO PROFETA

**Discurso contra o templo e proceso de Xeremías.**
**Martirio de Urías**

**26** [1]No comezo do reinado de Ioaquim, fillo de Ioxías, rei de Xudá, veu de parte do Señor este oráculo:

[2]Así fala o Señor: Ponte de pé no adro da Casa do Señor, e pronuncia contra todas as cidades de Xudá, que veñen adorar na Casa do Señor, cantas palabras che mandei comunicarlles sen deixar ningunha. [3]Quizais che fagan caso e se converta cada un do seu mal comportamento, e así tamén eu me arrepentirei do mal que teño pensado facerlles por mor da ruindade dos seus feitos. [4]Haslles dicir deste xeito: Así fala o Señor: Se non me facedes caso cumprindo a Lei que vos puxen diante, [5]escoitando as palabras dos meus servos os profetas, que vos mandei ben de madrugada e sen parar pero non lles fixestes caso, [6]entón eu volverei este templo coma o de Xiloh e converterei esta cidade nunha sorte de maldición para todos os pobos do mundo.

[7]Os sacerdotes, os profetas e todo o pobo escoitaba a Xeremías, mentres el proclamaba no templo estas palabras. [8]Logo, cando Xeremías acabou de dicir todo o que o Señor lle mandara dicir a todo o pobo, collérono os sacerdotes, os profetas e todo o pobo e dixéronlle: –Mereces a condena a morte, [9]porque te atreves a profetizar no nome do Señor, dicindo que este templo se volverá coma o de Xiloh e que esta cidade se quedará nas ruínas e sen habitantes.

Todo o mundo se puxo arredor, contra Xeremías, no templo. [10]As autoridades de Xudá, cando souberon estas cousas, subiron desde o palacio real ao templo do Señor e sentaron á entrada da porta nova do templo do Señor. [11]Entón os sacerdotes e os profetas dixéronlles ás autoridades e a todo o pobo: –Este home merece a pena de morte, xa que profetizou contra esta cidade, segundo vós mesmos oístes cos vosos oídos.

[12]Logo Xeremías respondeulles a todas as autoridades e ao pobo todo: –O Señor mandoume profetizar contra este templo e contra esta cidade todos os oráculos que vós oístes. [13]Agora ben, mellorade o voso comportamento e os vosos feitos, e facédelle caso á chamada do Señor, voso Deus, e o Señor arrepentirase das ameazas que proferiu contra vós. [14]E en canto a min, velaquí estou, no voso poder: tratádeme o mellor e máis xusto que vos pareza. [15]De verdade, tede ben aprendido, que, se vós me facedes morrer, facedes culpables da morte dun inocente a vós mesmos, a esta cidade e aos seus habitantes, xa que, sinceramente, foi o Señor quen me mandou a vós, a anunciar todos estes oráculos de xeito que os entendades.

[16]As autoridades e todo o pobo dixéronlles aos sacerdotes e aos profetas: –Este home non merece a pena de morte, vede que nos fala no nome de Iavé, o noso Deus.

[17]Logo uns homes dos anciáns da cidade erguéronse para lle dicir a toda a asemblea do pobo: [18]–Miqueas, o de Moréxet, que foi profeta durante o reinado de Ezequías, rei de

**26**, 1-24 Este texto é da obra histórica de Baruc, na que os discursos se resumen e aténdese ao factor narrativo. O episodio sitúase no ano 608 e é o primeiro que coñecemos. Nos vv. 2-3 temos un oráculo no que se lle manda ao profeta predicar contra Xudá, subliñando a finalidade da conversión do pobo. Os vv. 4-6 son un resumo do discurso de **7**, 2-15. Nos vv. 7-9 temos a reacción dos sacerdotes e profetas do templo, así como a do pobo que asiste aos cultos, que o declaran reo de morte por predicar a destrución do templo, o único lexítimo de Iavé, templo que foi obxecto da elección divina, o mesmo ca a monarquía davídica. No v. 10 comeza o xuízo contra Xeremías, no que os acusadores son os sacerdotes e profetas (v. 11). A súa acusación supón que a predicación profética contra a cidade de Xerusalén constitúe ao profeta en reo de morte, sexa por blasfemia contra a vontade incondicional de Deus de elixir a Xerusalén, sexa por falso profeta (cf Dt **18**, 20). O profeta deféndese insistindo na súa misión divina, na finalidade do seu discurso de ser unha chamada á conversión, que segue en toda a súa vixencia, para acabar apelando á responsabilidade das autoridades para que non carguen eles e a cidade coa culpa de verter sangue inocente contra a clara vontade de Iavé.

Os vv. 17-20 son o relato do martirio dun profeta quizais da escola de Xeremías, sentenciado polo rei, despois de pedir a súa extradición a Exipto, pois ao estilo de Elías (1 Re **19**), fuxira a Exipto. A intención deste relato é presentarnos a situación de perigo na que se atopou o profeta, e ao mesmo tempo subliñar a nova figura do profeta, que non foxe senón que proclama a súa mensaxe ás autoridades. O máis probable é que o martirio de Urías fose posterior ao episodio do discurso do templo, que acontece no primeiro ano de Ioaquim. O v. 24 é unha explicación histórica da liberación de Xeremías.

**26**, 11 Os sacerdotes e profetas acusan a Xeremías pois son conscientes de que a palabra profética non soamente comunica, senón que é unha forza divina que desprega a historia posterior: por isto o profeta responde con que a súa predicación é unha chamada á conversión.

**26**, 15 *Entendades*: lit. "para dicilo aos vosos oídos".

**26**, 16 Entre as autoridades hai que contar a Ahicam e, en xeral, á familia de Xafán, coa que o profeta se levou sempre moi ben, pois Xafán, secretario de Ioxías, debeu ser un protagonista da reforma (cf 2 Re **22**, 8-14) con quen colaborou Xeremías.

Xudá, faloulle a todo o pobo de Xudá, dicíndolle:

Así fala o Señor dos Exércitos:
Sión será arada coma un campo.
Xerusalén será un montón de ruínas
e o monte do templo
volverase un outeiro.

19Acaso trataron de matalo Ezequías, rei de Xudá, e todo o seu pobo? Acaso non trataron de respectar o Señor, e de aplacar o seu rostro irado, para que o Señor se arrepentise do mal que lles anunciara? Nós imos cometer semellante barbaridade, que pagaremos coas nosas vidas. 20Había entón outro home que profetizaba no nome do Señor: Urías, fillo de Xemaías, natural de Quiriat Iearim. Predicaba contra esta cidade e contra este país oráculos do mesmo teor ca os de Xeremías. 21Logo que o rei Ioaquim, toda a súa garda e os seus ministros escoitaron os seus oráculos, o rei buscábao para matalo; pero sóuboo Urías, e cheo de medo fuxiu para Exipto. 22O rei Ioaquim mandou homes a Exipto: a Elnatán, fillo de Acbor e o seu destacamento. 23Sacaron a Urías de Exipto e leváronllo ao rei Ioaquim. O rei fíxoo morrer pola espada e botou o seu cadáver na fosa común. 24Pero Ahicam, fillo de Xafán, protexeu a Xeremías, para que non caese nas mans do pobo, que o quería matar.

## SUBMISIÓN AO REI DE BABILONIA

### Simbolismo das cangas e mensaxe aos reis veciños

**27** 1Nos comezos do reinado de Ioaquim, fillo de Ioxías, rei de Xudá, veulle de parte do Señor a Xeremías este oráculo.

2–Así me falou o Señor: Faite cun xugo e unhas piogas e ponos no teu pescozo; 3logo mándallelos ao rei de Edom, ao rei de Moab, ao rei dos amonitas, ao rei de Tiro e ao rei de Sidón polos embaixadores que veñen de Xerusalén onda Sedecías o rei de Xudá.

4Mándalles que lles digan aos seus señores: Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel; así lles habedes dicir aos vosos señores: 5Eu son quen creou o mundo, cos homes e cos animais que hai sobre a superficie da terra, co meu enorme poder e co meu poderoso brazo: e doullo a quen me parece ben. 6Agora eu poño todas estas nacións na man de Nabucodonosor, o rei de Babilonia, o meu servo; tamén lle dou todos os animais salvaxes para que o sirvan. 7Hano servir todas as nacións, a el, ao seu fillo e ao seu neto; testemuña da chegada do período de gloria da súa nación serao tamén el, cando pobos numerosos e reis poderosos sexan os seus vasalos. 8Ao pobo ou ao reino que non o sirva a el, a Nabucodonosor, rei de Babilonia, a ese pobo que realmente non poña o seu pescozo baixo o xugo do rei de Babilonia, eu pedireille contas coa espada, coa fame e coa peste –é o Señor quen fala– e acabarei con eles, servíndome de Nabucodonosor. 9Pero vós non lles fagades caso nin aos vosos profetas, nin aos vosos adiviños, nin ás vosas soñadoras, nin aos vosos agoireiros, nin aos vosos feiticei-

**26**, 19 *Que pagaremos coas nosas vidas*: lit. "débeda das nosas almas" (néfex): "al" no sentido de débeda, como en ugarítico, e como o pide o contexto; néfex non ten o sentido de alma, senón de vida.

**27**, 2-22 O texto comeza cun mandato divino de realizar un xesto simbólico (vv. 2-4a; cf **13**, 1-11; **19**, 1-13); pero a explicación do xesto simbólico constitúe tres discursos, introducidos en forma de relato autobiográfico (vv. 4b-11; 12-15; 16-22). A situación que reflicten é a do ano 594, no que os embaixadores dos pequenos estados citados no v. 3 se reúnen en Xerusalén para planear a liberación do xugo babilónico. A mensaxe profética é relixiosa: Iavé, creador do mundo, é o Señor del, e entrégallo a Nabucodonosor (vv. 5-7). Por iso, o que non se lle someta será castigado; e o que se someta a el, vivirá tranquilo na súa terra (vv. 8. 11). Os vv. 9-10 introducen un tema que ocupará os cc. **27-29**: os falsos profetas, que aconsellan a rebeldía contra o rei babilónico.

Os vv. 12-15 e mais a última mensaxe ao pobo (vv. 16-22) son unha polémica contra os falsos profetas, aos que invitan á intercesión para que os males do 598/7 non empeoren nunha deportación e saqueo do templo que acabe co que aínda había naquel momento.

**27**, 1 Este v. está tomado de **26**, 1 por erro, pois nos LXX falta, e as correccións de Sedecías por Ioaquim, que aparecen en tres manuscritos siríacos e nalgúns árabes, non son máis ca un intento de dar sentido ao texto. A data correcta é a de **28**, 1.

**27**, 5 *Creou*: lit., "fixo", que ten o sentido de organizar e dar forma, pois para o semita o caos primordial, como desorde que é, non pode ser obxecto da acción de Deus. *Poderoso brazo*: lit. "brazo estendido", imaxe semítica de poder.

**27**, 7 *Testemuña*: vocalizamos "ed" (= testemuña), en vez da vocalización masorética "ad" (= "ata"), que non ten sentido.

**27**, 8-11 Notar que a intervención do profeta na política está motivada por razóns teolóxicas, e polas revelacións divinas; a separación actual de política e relixión non ten base no A. T., onde a persoa se concibe como unha unidade na que se integran todo o que é seu, e mais as súas manifestacións.

**27**, 9 A importancia que aquí se lles atribúe aos profetas pagáns de diferentes xeitos de adiviñación nas decisións políticas está confirmada pola época e pola documentación extrabíblica.

ros, xa que eles vos repiten acotío: "Non vos sometades ao rei de Babilonia". [10]Sabede que é mentira o que eles vos están profetizando, para vos afastaren a vós da vosa terra. Si, heivos facer desaparecer, e vós pereceredes. [11]Pero ao pobo que poña o seu pescozo baixo o xugo do rei de Babilonia, e se someta a el, eu fareino vivir tranquilo na súa terra –é o Señor quen fala–, traballará e vivirá nela.

**Mensaxe a Sedecías**

[12]A Sedecías, rei de Xudá, dígolle isto mesmo: Sometede o voso pescozo ao xugo do rei de Babilonia; servídeo a el e ao seu pobo, e deste xeito, viviredes. [13]Por que queredes morrer, ti e o teu pobo, pola espada, de fame e de peste, tal como lles dixo o Señor aos pobos que non se queren someter ao rei de Babilonia? [14]Non lles fagades caso aos consellos dos profetas que vos din: "Non vos sometades ao rei de Babilonia"; é falso o que eles vos profetizan, [15]pois eu non os mandei –é o Señor quen fala–, e por iso o que eles profetizan no meu Nome é mentira, de sorte que eu vos vou facer desaparecer e pereceredes vós e os profetas que profetizan para vós.

**Mensaxe aos profetas e ao pobo**

[16]Aos profetas e a todo este pobo eu dígolles:

Así fala o Señor: Non fagades caso das palabras dos vosos profetas que vos profetizan dicindo: "Velaquí os utensilios do templo do Señor que van ser traídos de volta de Babilonia agora, deseguidiña"; é mentira o que eles vos están profetizando. [17]Vós non lles fagades caso. Sometédevos ao rei de Babilonia e viviredes; para que converter esta cidade nun montón de ruínas? [18]Se eles son profetas, se a palabra do Señor está da súa parte, que intercedan ante o Señor dos Exércitos para que non vaia a Babilonia o resto dos utensilios que quedaron no templo do Señor, no palacio do rei e en Xerusalén. [19]En efecto, así fala o Señor dos Exércitos acerca das columnas, do mar e das bases con rodas e do resto dos utensilios que quedan nesta cidade, [20]os que non colleu Nabucodonosor, rei de Babilonia, cando el deportou, de Xerusalén a Babilonia, a Ieconías, fillo de Ioaquim rei de Xudá, e a toda a nobreza de Xudá e de Xerusalén.

[21]Así fala o Señor dos Exércitos, Deus de Israel, acerca dos utensilios que quedan no templo do Señor e no palacio do rei de Xudá e de Xerusalén: [22]Levaranos a Babilonia e quedarán alí ata o día en que eu me ocupe deles –é o Señor quen fala– para os facer subir e volver a este lugar sagrado.

**Polémica entre Xeremías e Hananías: revelación do verdadeiro profeta**

**28** [1]Despois deste ano, o do comezo do reinado de Sedecías, rei de Xudá, no ano cuarto e no quinto mes, o profeta Hananías fillo de Azur, natural de Gabaón, díxome no templo do Señor, en presenza dos sacerdotes e de todo o pobo:

[2]–Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Estou disposto a romper o xugo do rei de Babilonia: [3]dentro de dous anos completos eu farei volver a este lugar o enxoval do templo do Señor, que o rei de Babilonia, Nabucodonosor, colleu deste sitio e levou a Babilonia. [4]Tamén traerei eu a este lugar –é o Señor quen fala– a Ieconías, rei de Xudá, fillo de Ioaquim e todos os cativos de Xudá levados a Babilonia, xa que romperei o xugo do rei de Babilonia.

[5]Entón Xeremías, o profeta, respondeulle ao profeta Hananías en presenza dos sacerdotes e de todo o pobo que se atopaba no templo do Señor. [6]O profeta Xeremías dixo: –Amén, que o Señor o faga deste xeito! Que o Señor cumpra a profecía que ti acabas de profetizar, traendo de Babilonia a este lugar o enxoval do templo do Señor e a todos os cativos. [7]Pero fai o favor de escoitarme estas palabras que vou dicir para ti e para todo o pobo: [8]Os profetas que, coma min e coma ti houbo desde sempre, profetizaban guerras, calamidades e peste a nacións numerosas e a grandes reinos. [9]Se o profeta anunciaba fartura, ao cumprirse a súa palabra profética, o profeta era recoñecido como verdadeiramente mandado polo Señor.

**27**, 18 Xer invita ironicamente aos falsos profetas a probar a verdade do seu profetismo coa intercesión que impida o cumprimento do seu oráculo de castigo do v. 22.
**27**, 20 Este v. é unha glosa de clarificación.
**27**, 22 Este oráculo cumpriuse no 588/7: cf 2 Re **25**, 13-15.
**28** Este c. é unha narración biográfica de Baruc, que concentra a problemática e os xestos simbólicos do c. **27**, vinculándoos co tema dos criterios para distinguir o verdadeiro profeta (cf **23**, 16-22). Consta de diversos diálogos, algúns deles oráculos salvíficos (o de Hananías: vv 2-4. 11); outros, de castigo (o de Xer: vv. 13-16). Os vv. 6-9 son a resposta reflexiva de Xer, co desexo de que se cumpra o oráculo salvífico de Hananías, pero con certa desconfianza sobre ese profeta. Prepara o narrador a confirmación da autenticidade do profetismo de Xer; o seu oráculo cúmprese no v. 17. Subliña tamén que Xeremías fala como profeta só cando ten comunicación do Señor (cf v. 11d).
**28**, 10 Nótese que no c. **27**, non se dicía que Xeremías levase o xugo ao pescozo.

10Entón o profeta Hananías colleu o xugo
que o profeta Xeremías tiña posto ao pes-
cozo e rompeuno, 11e diante de todo o pobo
dixo: –Así fala o Señor: Deste mesmo xeito
hei romper dentro de dous anos completos o
xugo que Nabucodonosor, rei de Babilonia,
ten sobre o pescozo de todas as nacións.
O profeta Xeremías colleu o seu camiño
e marchou. 12Despois que o profeta Hananías
rompeu o xugo que Xeremías, o profeta, tivo
ao pescozo, veulle a Xeremías esta palabra
do Señor: 13–Vaille dicir ao profeta Hana-
nías: Así fala o Señor: Ti rompiches xugos de
madeira, pero despois destes hei facer xugos
de ferro, 14pois así fala o Señor dos Exércitos,
o Deus de Israel: Eu poño un xugo de ferro
ao pescozo de todas estas nacións, para que
sirvan a Nabucodonosor, rei de Babilonia,
e sexan os seus vasalos, e aínda os mesmos
animais salvaxes doullos a el.
15Logo Xeremías, o profeta, díxolle ao
profeta Hananías: –Escóitame, Hananías; o
Señor non te mandou, senón que ti es quen
fai que este pobo se fíe de ilusións. 16Por iso,
así fala o Señor: Voute expulsar de sobre a
superficie da terra: este mesmo ano morrerás,
xa que predicaches a oposición ao Señor.
17E o profeta Hananías morreu o sétimo
mes dese mesmo ano.

### Escrito de Xeremías aos deportados no ano 598

**29** 1Estas son as palabras do escrito que
desde Xerusalén mandou Xeremías, o
profeta, ao resto dos anciáns desterrados, aos
sacerdotes, aos profetas e a todo o pobo, que
deportou Nabucodonosor de Xerusalén a Ba-
bilonia, 2despois de que o rei Ieconías, a raíña
nai, o persoal da corte, os principais de Xudá
e de Xerusalén, os técnicos e os ferreiros
deixaron Xerusalén. 3Mandouno a Nabucо-
donosor, rei de Babilonia, por Elasah fillo de
Xafán, e por Guermarías, fillo de Hilquías,
aos que Sedecías, o rei de Xudá, mandaba a
Babilonia.
4"Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de
Israel, a todos os desterrados que eu deportei
de Xerusalén a Babilonia: 5Construíde casas e
habitádeas, plantade terreos e comede os seus
froitos. 6Casade e tede fillos e fillas, tratade
de casar aos vosos fillos e ás vosas fillas, para
que vos dean netos e netas; multiplicádevos
aí, e non mingüedes. 7Procurade a fartura da
cidade a onde eu vos desterrei, rezade ao Se-
ñor por ela, xa que a súa fartura será a vosa
fartura. 8Así fala o Señor dos Exércitos, o
Deus de Israel: Que non vos enganen os pro-
fetas que están entre vós, nin os vosos adiviños: Non lles fagades caso aos vosos soños,
que vós mesmos provocades. 9Ollade que vos
profetizan ilusións no meu Nome. Eu non os
mandei –é o Señor quen fala–.
10Así fala o Señor: Tan axiña como se lle
cumpran a Babilonia os setenta anos, heivos
facer unha visita, para cumprir convosco a
miña promesa de vos traer outra vez a este
lugar. 11Soamente eu coñezo os proxectos
que eu planeo para vós –é o Señor quen
fala–, proxectos de fartura e non de desgra-
za, de darvos un porvir e unha esperanza.
12Habédesme invocar e viredes onda min;
rezarédesme e eu escoitareivos. 13Andaredes
á miña procura e habédesme atopar. Buscaré-
desme de todo corazón 14e eu deixarei que me
atopedes –é o Señor quen fala– para cambiar
a vosa sorte: xuntareivos de entre todas as
nacións e lugares a onde vos dispersei –é o
Señor quen fala– e fareivos volver de novo

**28**, 13 *Hei facer*: seguimos o texto grego. O texto hebreo di "has facer". O sentido do hebreo é que, se Hananías quixese simbolizar a situación, tería que facer xugos de ferro.
**28**, 15-16 Trátase dun oráculo de xuízo de castigo individual, no que é acusado de usurpar as funcións proféticas.
**29**, 1-15. 21-23 Aínda que este escrito non leva a data concreta (cf v. 2), as indicacións do v. 3 son suficientes para datalo no ano 594, despois dos plans de sublevación (cf Xer **27**, 3). Este plan fracasou, quizais pola morte do faraón exipcio Nekó e quizais por non acordar un plan conxunto. Sedecías ten que dar explicación en Babilonia, e faino polos mesmos que levan a carta. O texto pertence á biografía feita por Baruc, e está constituído por unha introdución (vv. 1-3) e catro oráculos (vv. 4-7; 8-9; 10-14; 15. 20-23). No primeiro, mándalles que se adapten ao novo xeito de vida, porque a cousa vai para longo. No segundo, que non lles fagan caso aos falsos profetas, que din por conta propia que a volta do desterro está a chegar, sen teren a misión divina. No terceiro (vv. 10-14) dá resposta ás esperanzas do pobo, pero despois de setenta anos anunciando unha intervención salvífica segundo os plans de Deus. Dálles unha serie de normas, nas que se superan os esquemas relixiosos rituais do culto no templo como medio para facer posible a acción salvífica de Deus. O último oráculo, introducido polo v. 15, é un oráculo de xuízo de castigo para dous falsos profetas do desterro.
**29**, 7 *Rezade ao Señor por ela* (Babilonia): aquí comeza un fio teolóxico da valoración da vida relixiosa xudía entre os xentís e da oración por eles, que levará ao II Isaías a considerar aos xudeus desterrados como luz para os pagáns, e que dará paso aos prosélitos.
**29**, 10 Cf nota a **25**, 11.
**29**, 12-13 Estes verbos en futuro queren expresar un desde agora, de xeito que non teñen sentido cultual litúrxico referido ao templo, senón ás actitudes oracionais persoais e colectivas que deron orixe ao xurdir da sinagoga (opinión convincente dos historiadores xudeus actuais): cf Ez **1**, 1. 4ss.

a este lugar de onde vos levei cativos. 15Si, vós dicides: "O Señor suscitounos profetas en Babilonia". 16Así fala o Señor acerca do rei que senta no trono de David e de toda a xente que vive nesta cidade, os vosos irmáns que non saíron convosco para a catividade. 17Así fala o Señor dos Exércitos: Vede, vou mandar contra eles a espada, a fame e a peste e vounos volver coma figos pasados, que de malos non se poden comer. 18Vounos perseguir coa espada, coa fame e coa peste, e convertelos en algo arrepiante para todos os reinos da terra, que se nomeará nas maldicións: desolación, burla e vergonza entre todas as nacións a onde os dispersei. 19Xa que non escoitaron as miñas palabras –é o Señor quen fala– aínda que eu lles mandei os meus servos, os profetas: madruguei a mandalos, pero non fun escoitado –é o Señor quen fala–.

20E vós, todos os deportados que eu mandei de Xerusalén a Babilonia, escoitade a palabra do Señor: 21Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel, acerca de Acab, fillo de Colaías e de Sedecías, fillo de Maseías, que profetizan mentiras no meu Nome: Mirade que os entrego no poder de Nabucodonosor, rei de Babilonia, para que os axustice diante dos vosos mesmos ollos. 22Todos os desterrados de Xudá que viven en Babilonia recollerán da súa historia esta maldición: "Que te trate o Señor coma a Sedecías e coma a Acab, a quen o rei de Babilonia asou no lume". 23Pola súa culpa cometeuse unha deshonra en Israel: cometeron adulterio coa muller do seu próximo e dixeron cousas falsas no meu Nome, cousas que eu non lles mandei. Quen o sabe e é testemuña son eu" –é o Señor quen fala.

### Anuncio de castigo contra un falso profeta do desterro

24–Dille a Xemaías, o de Nehelam: 25Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Ti mandaches no teu nome uns escritos a toda a poboación que reside en Xudá e ao sacerdote Sefanías, fillo de Maseías, e a todos os sacerdotes, dicíndolles: 26"O Señor constitúete sacerdote, sucesor do sacerdote Iehoiadá para seres o responsable do templo e de todo aquel que se considere profeta da destrución: a este tal méteo no cepo e na cadea.

27Entón por que non reprendiches a Xeremías, natural de Anatot, quen se considera o voso profeta? 28Canta culpa ten! Chegou a nos mandar dicir en Babilonia: A cousa vai para lonxe: facede casas e vivide nelas, plantade terreos e comede os seus froitos".

29O sacerdote Sefanías leulle esta carta a Xeremías, o profeta. 30E veulle a Xeremías esta palabra do Señor: 31Mándalles dicir a todos os deportados: "Así fala o Señor acerca de Xemaías, o nehelamita: Xa que Xemaías vos anunciou oráculos sen que eu o mandase, e deste xeito vos fixo confiar en ilusións, inxustamente, 32así fala o Señor: Velaquí que eu lle pedirei contas a Xemaías, o nehelamita, e á súa descendencia: non terá ningún descendente que habite con este pobo, compracéndose do ben que eu lle farei ao meu pobo, –é o Señor quen fala– xa que predicou a rebeldía contra o Señor".

### Oráculos salvíficos para o Reino de Israel e Xudá

**30** 1Palabra que de parte do Señor lle veu a Xeremías nestes termos: 2Así fala o Señor, o Deus de Israel: –Escribe para o teu servizo todas as palabras que eu che dite. 3Velaquí veñen os días –é o Señor quen fala– nos que eu cambiarei a sorte do meu pobo Israel e Xudá –dío o Señor– e volvereinos traer ao país que lles dei a seus pais, para que o reciban en herdanza. 4Estas son as palabras que o Señor lles di a Israel e a Xudá.

**29**, 16-20 Este texto falta nos LXX. Con todo, non se pode considerar alleo ao profeta, pois as frases e os termos son habituais nel. Trátase dun oráculo de castigo contra os que quedaron en Xerusalén no ano 598/7 (vv. 17-19), adaptado aquí aos vv. 16 e 20. O sentido que lle dan os adaptadores, vén ser o mesmo ca o da visión dos dous cestos de figos (cf **24**, 1ss).

**29**, 18 *Que se nomeará nas maldicións*: lit. "cando eles vos nomeen na maldición".

**29**, 22 *Esta maldición*: lit. "unha maldición, dicindo".

**29**, 24-32 Este texto resulta literariamente incorrecto, xa que a introdución oracular do v. 25 non ten sentido, ao non seguir ningún oráculo ata o v. 31, que ten a súa propia introdución oracular. Os vv. 24-29 son unha presentación de feitos, co interrogante anacolutivo de acusación no v. 27. Os vv. 30-32 constitúen un oráculo de xuízo de castigo individual. Nótese que as comunicacións entre os deportados e os que quedaron en Xerusalén debían ser frecuentes.

**29**, 26 *Profeta da destrución*: profeta que anuncia e conseguintemente causa a destrución.

**29**, 32 Nótese a cualificación da actitude de Xemaías como rebeldía contra Iavé.

**30**, 1-**31**, 40 O núcleo fundamental desta sección é o froito da primeira actividade do profeta, cando colabora na reforma deuteronomista de Ioxías no reino do Norte, de onde o profeta é oriúndo (cf 2 Re **23**, 15-19), aínda que despois da deportación de Xudá os textos foron ampliados e glosados, para anunciarlles aos deportados o plan salvífico de Iavé.

**30**, 2 A orde divina de escribir (cf **36**, 2) deixa entender o interese que terán estes oráculos uns vinte anos máis tarde, logo da deportación de Xudá a Babilonia, o que explica as referencias a Israel e Xudá (vv. 3. 4...).

**Angustias dun parto de esperanza**

5 Así fala o Señor:
Estamos oíndo berros de angustia,
de pavor sen acougo.
6 Preguntade, ollade:
Están de parto os homes?
Como é que vexo a todos os homes
coas mans nos riles como a muller
que está de parto,
todas as caras desfiguradas?
Ai, que palidez!
7 Que día tan grande ese!
Non o hai coma el!
Momentos de angustia para Xacob,
pero verase libre dela.

**Esnaquizarei o xugo de Xacob**

8 Aquel día –é o Señor dos Exércitos quen
fala– esnaquizarei o xugo de Xacob que ti
levas sobre a cabeza e romperei as túas pio-
gas, e os estranxeiros xa nunca máis o some-
terán a escravitude, 9 senón que se someterán
ao Señor, o seu Deus, e a David, o seu rei, a
quen eu constituirei sobre eles.

**Voute traer a salvo de terras remotas**

10 E ti, meu servidor Xacob,
non teñas medo
–é o Señor quen fala–
Israel, non te sintas abatido.
Mira que te vou traer
a salvo desde terras remotas,
e vou traer a salvo
a túa descendencia
desde o país do seu desterro.
Volverá Xacob e vivirá tranquilo,
estará ao seguro
e non haberá quen o atemorice.
11 Atende: eu estou contigo
–é o Señor quen fala–
para terte a salvo.
Provocarei a destrución
entre todos os pobos,
a onde te dispersei,
pero a ti non te destruirei;
soamente che farei aprender
con castigos o que é xusto,
sen deixar nada sen corrección.
12 Así fala o Señor:
Profundo é o teu quebranto,
incurable é a túa ferida,
13 non hai quen faga xustiza
na túa causa: que sangradura!
Non hai remedio para ti:
que rego de sangue!
14 Esquecéronte todos os teus amantes,
a ti xa non te buscan,
castigueite con castigo de inimigo,
con corrección cruel;
os teus pecados multiplican a débeda
da túa moita ruindade.
15 Por que berras polo teu quebranto,
pola túa profunda ferida?
Si, os teus pecados
son os que multiplicaron
a débeda da túa moita ruindade,
son eu quen che fixen isto.
16 Con todo, todos os que te devoran
serán devorados,
e todos os que te perseguen
irán ao desterro,
os que te rouban servirán de botín,

**30**, 5-7 Todo o vocabulario fai referencias ao parto como realidade dorida: un parto misterioso de homes. Pero no v. 7c a angustia vólvese esperanza. Máis ca unha lembranza dos desastres do ano 722 é unha descrición poética da situación de crise do pobo de Israel nos anos 627-615, con Asiria que está a caer e cun pobo dividido entre o desterro e o propio país, e con novos elementos pagáns traídos doutras terras.
**30**, 7 O ai que figura no v. 6c, pertence ao v. 7. É paralelo coa admiración enfática ("Que!") do v. 7. Estas expresións resaltan a situación dorida presentándoa como un momento de purificación no día do Señor (cf Xl **1**, 15; **2**, 1; Am **5**, 18; Sof **1**, 14-18), e que prepara a chegada da salvación.
**30**, 8-9 Estes dous vv. en prosa rítmica constitúen un oráculo que serve de comentario ao día do Señor como día de liberación da escravitude aos estranxeiros e de submisión a Iavé e ao Mesías davídico.
**30**, 8 *O xugo de Xacob*: referencia á servidume de Xacob a Labán (Xén **30**, 25ss) actualizada na submisión dos seus descendentes aos asirios. "Ti" e "túas" refírense ao poder de Israel, que foi o primeiro destinatario do oráculo.
**30**, 9 O sing. colectivo "Xacob", do v. anterior, vólvese aquí pl. de 3.ª pers.: advírtese a unificación dos dous reinos no descendente davídico, propia da reforma relixiosa de Ioxías e persistente nas esperanzas proféticas. A submisión ao rei davídico non é escravitude, senón submisión a Iavé.
**30**, 10-11 Oráculo de conforto e de esperanza na acción salvífica do Señor, dirixido aos desterrados de Israel do ano 722. Data dos anos 615-612 (caída de Asiria).
**30**, 11 Na destrución de Asiria, Israel quedará a salvo. A última frase, "soamente...", é un engadido de época exílica, de cando o oráculo se leu aplicado a Xudá.
**30**, 12-17 Estes vv. refírense a Xudá representada en figura feminina, e constitúen un oráculo salvífico (vv. 16-17a), no medio dunha lamentación profética (vv. 12-15. 17b) posterior ao ano 587.
**30**, 12-13 A imaxe da muller ferida, cos ósos partidos e sangrenta, quere expresar a situación de Xudá totalmente sometida aos caldeos despois do 587. Os seus amantes (os países que con ela buscaban alianzas político-militares: cf **27**, 3) abandónana.
**30**, 14-15 Subliña o profeta que esta situación se debe aos pecados e á ruindade de Xudá.
**30**, 16 A curación de Xudá supón o castigo dos seus opresores.

e a todos os que te saquearon
entregareinos ao saqueo.
17Restablecerei a túa saúde,
curareite das túas feridas
–é o Señor quen fala–.
Chamáronte "A Desaparecida",
"Sión non ten quen a busque".
18Pero, así fala o Señor:
Eu son o que transformarei
o desterro das tendas de Xacob,
e terei piedade do seu xeito de vivir;
cada cidade será construída
no seu petouto,
e cada pazo asentará no seu lugar propio.
19Sairán deles cántigas de agradecemento,
e os aturuxos dos que están de festa.
Multiplicareinos e non minguarán,
fareinos xente de ben
e non serán desprezables.
20Os seus fillos terán
os privilexios de antes,
e a súa asemblea manterase
firme na miña presenza.
Eu castigarei a todos os seus opresores.
21O xefe será un dos seus
e o soberano nacerá deles;
eu fareino achegarse, e achegarase a min,
pois quen é o que pola súa conta
se achegaría a min?
–é o Señor quen fala–.
22E deste xeito volveredes ser
para min o meu pobo,
e eu serei para vós o voso Deus.

23Velaí a tormenta do Señor:
sae o seu furor,
a súa tempestade vólvese ameazadora,
dá voltas sobre a testa dos malvados.
24Non cederá o ardor da ira do Señor
ata que realice e cumpra
os proxectos do seu corazón.
Ao que pasen estes días, entenderédelo.

**31** 1E entón –é o Señor quen fala– eu serei Deus para todas as tribos de Israel, e eles serán o meu pobo.

**Quíxente con amor eterno: por iso volverei reconstruírte, virxe de Israel**

2Así fala o Señor:
No deserto atopa ao Bondadoso
o pobo dos que fuxiron da espada;
Israel vai á procura do seu acougo,
3de lonxe aparéceselle o Señor.
Quíxente cun amor eterno,
por iso mantiven moito tempo
a miña fidelidade.
4Volverei construírte
e quedarás construída,
virxe de Israel;
volverás a arranxar os teus pandeiros,
e sairás á danza cos que están de festa.
5Volverás plantar viñas
nos montes de Samaria;
os mesmos que as plantan, danzarán.
6Pois chegará o día
en que berren os vixías
desde o monte de Efraím:
"En pé! Subamos a Sión,
onda o Señor, o noso Deus".
7Así fala o Señor:
Aclamade a Xacob
con gritos de alegría,
gritádelle á primeira das nacións.
Pregoade, loade, clamade:
"Salva, Señor, o teu pobo,
salva o resto de Israel".
8Vede: vounos traer do país do norte,
vounos reunir
desde os cabos do mundo.
Entre eles haberá cegos e coxos,
a que está encinta xunto coa parida,
volverán en enorme multitude.
9Velaí, chegarán chorando;
pero entre aclamacións

**30**, 17 As expresións son unha referencia ao v. 14. Aínda que os amantes se esqueceron de Xudá, o seu esposo Iavé curaraa.
**30**, 18-22 Estes vv. constitúen un oráculo salvífico dirixido aos desterrados de Israel (= Xacob), expresado como acción divina no v. 18a e exemplarizado nunha serie de melloras, que van desde as reconstrucións materiais ata o restablecemento da alianza con Iavé (v. 22).
**30**, 23-**31**, 1 Estes vv. deben constituír o sinal da proximidade do cumprimento do oráculo salvífico, de xeito que resultan unha presentación teolóxica das conquistas caldeas do imperio asirio. Hanse de relacionar co oráculo anterior, como deixa ver o paralelismo de **31**, 1 con **30**, 22.
**31**, 2-6 Este oráculo salvífico para Israel ábrese cunha referencia ao Éxodo, que se ve como un encontro de Israel co Deus Bondadoso, que lle revela o seu amor fiel (vv. 2-3). Sobre esta base teolóxica, fórmase o oráculo salvífico en termos de reconstrución dun novo pobo (v. 4a), para tipificarse en expresións alusivas á festa das Cabanas (vv. 4b-5), para acabar coa referencia á romaría desta festa que se vai celebrar en Sión (referencia clara ao santuario único da reforma deuteronómica de Ioxías).
**31**, 7-9 Este novo oráculo sobre a volta do desterro de Israel (vv. 8-9), que acaba cunha expresión da alianza en termos de paternidade-filiación do primoxénito, comeza cunha invitación á aclamación de Israel (v. 7a) e unha súplica clamorosa pola súa salvación. Os LXX entenderon ou interpretaron esta súplica como unha proclamación, cousa que tería máis sentido despois do oráculo: por isto seguimos a lectura do texto hebreo.
**31**, 9 As bágoas son aquí, por paralelismo, expresión da ledicia e agradecemento. *Os regueiros de auga* significan a bendición divina e a súa especial protección.

de agradecemento,
heinos conducir,
heinos levar aos regueiros de auga
por un camiño seguro
onde non han tropezar.
Si, volvereime pai de Israel,
e Efraím será o meu primoxénito.

**Participación dos rescatados en banquetes**

10 Escoitade a palabra do Señor, pobos,
facédea coñecer nas illas de lonxe,
anunciádea:
"O que dispersou a Israel, xuntarao,
e gardarao coma un pastor
o seu rabaño".
11 Certo, rescatará o Señor a Xacob,
librarao dunha man máis forte.
12 Chegarán para festexalo á cima de Sión,
correrán cara aos bens do Señor,
tras o trigo, o mosto e o aceite,
tras as crías do rabaño e do gando.
As súas vidas serán
coma un horto ben regado,
xa nunca máis volverán a enfraquecer.
13 Entón a virxe alegrarase na danza,
os mozos e os vellos andarán ledos;
eu cambiarei o seu loito en ledicia,
consolareinos e alegrareinos
despois da súa aflición.
14 Enchouparei en graxa
a gorxa dos sacerdotes,
e o meu pobo fartarase dos meus bens
–é o Señor quen fala.

**Oráculos salvíficos**

15 Así fala o Señor:
Óense berros en Ramah,
cantos de loito, choros de amargura:
Raquel está a chorar polos seus fillos
e non se quere consolar,
porque xa non viven.
16 Así fala o Señor:
Non deas a túa voz ao pranto,
nin os teus ollos ás bágoas,
que os teus traballos terán recompensa
–é o Señor quen o di–:
os fillos volverán do país inimigo.
17 O teu porvir está cheo de esperanza
–é o Señor quen o di–:
os fillos volverán á súa patria.
18 Escoitar estou escoitando
como se lamenta Efraím:
"Para que eu fose ben ensinado,
ti ensináchesme con castigo,
a min, becerro que non se doma.
Para que eu me convertese,
fixéchesme converter ti,
Señor, meu Deus.
19 Desde que me convertín,
sentinme consolado,
e despois de me dar conta
empecei a petar nos cadrís:
cubrinme de vergonza e de ignominia,
de ter que soportar o oprobio
da miña xuventude".
20 Non é Efraím para min
o fillo tan estimado,
non é o fillo do meu contentamento?
Cantas veces falo contra el,
outras tantas o teño que relembrar,
por iso conmóvense
as miñas entrañas por el,
teño que compadecerme del
–é o Señor quen fala.

**Chamada a volver do desterro e á conversión**

21 Levanta os marcos de sinal
nos teus camiños,
pon os teus indicadores,

**31**, 10-14 Este oráculo encabézase cunha proclamación ás nacións pagás da obra de Iavé, para seguir cun oráculo de afirmación de fe (v. 11), e a tipificación do oráculo salvífico concretado na ledicia dos repatriados no templo de Xerusalén.
**31**, 14 A graxa era nestes pobos máis cobizada ca a febra: por isto a maior parte dela queimábase no altar, como ofrenda a Deus.
**31**, 15-20 Esta unidade está composta de dous oráculos salvíficos. O primeiro (vv. 16-17) responde a unha elexía (v. 15) posta na boca da avoa epónima Raquel (cf Xén **48**); o segundo (v. 20) responde a unha lamentación cúltica colectiva, posta na boca de Efraím (vv. 18-19).
**31**, 15 *Ramah* era unha importante cidade de Efraím, que aquí equivale a todo o reino de Israel.
**31**, 16 O oráculo é unha resposta ao espírito de Raquel, que na súa vida de ultratumba chora polos seus descendentes. Deus promételle un porvir doado na súa terra.
**31**, 18 O "ser ben ensinado" consiste no castigo que provoca a conversión.
**31**, 19 A conversión a Iavé leva consigo a participación das súas bendicións, e o recoñecemento da loucura de abandonar o Señor.
*Petar nos cadrís* era un xesto de arrepentimento, propio do ritual de lamentación colectiva. O oprobio da mocidade refírese, en imaxe poético-erótica, ás infidelidades á alianza divina.
**31**, 20 *As entrañas* son a raíz dos sentimentos, especialmente da compaixón.
**31**, 21 *Marcos de sinal*. O paralelismo con "indicadores" recomenda esta interpretación. Por outra banda o vocábulo traducido aparece no arameo targúmico con sentido de "sinal indicador dun camiño", ou da proximidade dun lugar.
*Indicadores*. A raíz do vocábulo hebreo aparece na lingua ugarítica co sentido de "conducir". O sentido deste v. é o da chamada aos deportados de Israel para que volvan ao seu país.

pon moita atención ao vieiro,
á verea por onde vas.
Volve, virxe de Israel,
volve a estas túas cidades.
[22]Ata que día andará de aquí para alí
esta filla divorciada?
Cando o Señor cree
o novo pacto no país,
a muller volverá ao seu home.

### Restauración de Xudá

[23]Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Cando eu traia os desterrados, volveranse repetir no país de Xudá e nas súas cidades estas palabras: "Que o Señor te bendiga, rexión de lexítima morada, monte do santuario". [24]Alí morarán Xudá e todas as súas cidades, alí se xuntarán os xornaleiros para saíren canda o rabaño. [25]Eu saciarei de auga a súa gorxa reseca, encherei toda gorxa esmorecente. [26]E, nisto, espertei e deime conta de que o meu soño resultaba ledo.

### Reconstrución de Xudá e nova orde de xustiza

[27]Velaquí os días –é o Señor quen fala– nos que sementarei a casa de Xudá e a casa de Israel con semente de homes e semente de animais. [28]E do mesmo xeito que os tiven en vixilancia para arrincar e derrubar, para aniquilar, para destruír e para danar, así tamén montarei vixilancia sobre eles para construír e para plantar –é o Señor quen fala–.

[29]Nos días que están a chegar, xa non se volverá dicir: "Os pais comeron as uvas verdes e os fillos teñen os dentes limados", [30]senón que cada un morrerá pola súa propia culpa. Se alguén come uvas verdes, será el quen perda os dentes.

### A nova alianza

[31]Velaquí os días é o Señor quen fala nos que pactarei coa casa de Xudá e co reino de Israel unha alianza nova; [32]non coma a alianza que pactei con seus pais, o día no que os collín pola man para os sacar do país de Exipto, pois eles quebrantaron o meu pacto, aínda que eu seguín sendo o seu Señor é o Señor quen fala.

[33]Velaquí o pacto que eu hei acordar coa casa de Israel despois deses días –é o Señor quen fala–:

Hei meter a miña lei nas súas entrañas,
escribireina nos seus corazóns,
serei para eles o seu Deus,
e eles serán para min o meu pobo.
[34]Xa ninguén terá que instruír
o compañeiro,
xa ninguén terá que instruír seu irmán,
dicíndolle: Respectade o Señor;
senón que todos eles me farán caso,
desde o máis noviño ao maior
–é o Señor quen fala–,
pois eu perdoareilles
a súa iniquidade,
e xa non me lembrarei
máis dos seus pecados.

**31**, 22 Este v. interpreta a repatriación como unha volta da filla, divorciada de Iavé, onda o primeiro marido: por isto fala dun "pacto novo". Filla divorciada: ou apóstata. Esta referencia fai que entendamos o verbo "hamaq" como expresión de coqueteo nas alianzas dos desterrados de Israel con Asiria e máis tarde cos babilonios.

**31**, 23-26 Oráculo de restauración, recibido nun soño profético (cf v. 26). O texto débese probablemente aos deuteronomistas do desterro babilónico.

**31**, 23 *Santuario*: o artigo, que acompaña o adxectivo "qódex" e non o nome, dálle un sentido concreto: por iso hase de entender como "santuario", referindo toda a frase ao monte Sión e ao templo de Xerusalén.

**31**, 25 *Gorxa* (heb. "néfex"): as frases refírense ás comidas e bebidas dos banquetes sacrificiais (cf nota aos vv. 10-14).

**31**, 27-30 Estes vv. constitúen literariamente dous oráculos salvíficos, dos que o primeiro (vv. 27-28) é un comentario a **1**, 10, aplicado ás esperanzas de restauración dos reinos de Xudá e de Israel, que deben ter orixe no desterro babilónico, pois o v. 28 é semellante a Is **49**, 19-20. O segundo (vv. 29-30) tamén debeu de ser obra dos discípulos deportados, por referirnos un refrán dos desterrados da segunda xeración, ofrecido tamén por Ez **18**, 2, e que reflicte o novo estilo de retribución divina individual.

**31**, 31-34 Oráculo salvífico da última época da vida de Xeremías, pois supón unha reflexión teolóxica sobre a traxedia da súa vida profética: predica sen éxito a renovación da alianza para os desterrados de Israel; predica a fidelidade á alianza en Xudá como único medio de conseguir seguridade no tráxico momento no que vive; e, por outra banda, ten a experiencia positiva da fidelidade dos seus discípulos. Trátase dunha alianza nova, na que Deus mesmo interiorice na experiencia da fe os compromisos cos profetas e na que perdoe os pecados e cambie as situacións. Aínda que o texto non conteña as mesmas palabras de Xeremías, soamente el podía chegar a estes fondos pensamentos.

**31**, 31 *Alianza nova*: o adxectivo "hadax" non significa acabada de facer, senón que expresa unha calidade distinta, unha superioridade nos valores.

**31**, 32 *Seguín sendo o seu Señor*, o marido fiel, non obstante a infidelidade da xente.

**31**, 33 *As entrañas* son as vísceras, o interior do home, o propio ser humano. *O corazón* é asento dos plans, proxectos e intencións. A novidade da alianza (serei o seu Deus... serán o meu pobo) que Deus promete, está nestas interiorizacións e marcaxe psicolóxica do pobo: por isto compréndese ben o que di o v. 34a.

**31**, 34 *Respectade o Señor*: lit. "coñecede a Iavé": un coñecemento que supón obediencia e respecto (cf **2**, 8; **4**, 22; **9**, 2; **22**, 16; **24**, 7). O perdón dos pecados é concomitante verbo desta experiencia de Deus, pois non vén tanto dos feitos, canto das actitudes das que xorden os feitos.

**Inquebrantable fidelidade do Señor á alianza nova**

35 Así fala o Señor,
que establece o sol para luz do día,
que establece as leis da lúa
e das estrelas para luz da noite;
o que alporiza ao mar
e braman as súas ondas;
o seu nome é Señor dos Exércitos:
36 Cando fallen todas estas leis
na miña presenza
–é o Señor quen fala–,
tamén a raza de Israel deixará
de ser pobo na miña presenza
para sempre.
37 Así fala o Señor:
Cando se cheguen a medir
os ceos desde o alto,
cando se exploren
os alicerces da terra no profundo,
tamén eu rexeitarei
toda a estirpe de Israel,
por todo o que fixo
–é o Señor quen fala.

**Reconstrución de Xerusalén**

38 Veñen días –é o Señor quen fala– nos
que se construirá a cidade para o Señor desde
a Torre de Hananel á Porta da Esquina. 39 E o
seu cordel de medir continuarase estendendo
en presenza do Señor pola ladeira de Gareb
e dará a volta na dirección de Goat. 40 Todo o
barranco será para os ósos e para a cinsa das
graxas dos sacrificios, e todos os campos ata
o nacente ata o regato Cedrón e ata a esquina
da Porta dos Cabalos serán cousa sacra dedicada ao Señor, que nunca máis volverá ser destruída nin arrasada.

**A merca dun campo durante o asedio, sinal e anticipo da Salvación**

**32** 1 Esta é a palabra que de parte do Señor
lle veu a Xeremías no ano décimo de
Sedecías, rei de Xudá, o que corresponde ao
ano décimo oitavo de Nabucodonosor. 2 Naquel entón os exércitos do rei da Babilonia
estaban a cercar Xerusalén, mentres o profeta
Xeremías estaba preso no patio da garda que
había no palacio do rei de Xudá. 3 Prendérao
Sedecías, o rei de Xudá, acusándoo: –Por
que profetizas ti dicindo: "Así fala o Señor:
Eu entrego esta cidade ao poder do rei de Babilonia, para que a conquiste"?

4 E Sedecías, o rei de Xudá, non se escapará das mans dos caldeos, senón que será
entregado de certo no poder do rei de Babilonia, e falarán cara a cara, e veranse fronte a
fronte. 5 El conducirá a Babilonia a Sedecías,
quen quedará alí ata que eu me ocupe del
–é o Señor quen fala–. Aínda que resistades
contra os caldeos, non sairedes con éxito.

6 Entón dixo Xeremías: –A palabra do
Señor veu a min nestes termos: 7 Velaí vén
Hanamel, fillo do teu tío Xalum, onda ti, a
dicirche: "Merca para ti o campo que eu teño
en Anatot, xa que es ti o que ten dereito de
rescate para adquirilo".

8 E, efectivamente, segundo a palabra do
Señor, chegou Hanamel, o meu curmán, o
fillo do meu tío, ao patio da garda, e díxome:

**31**, 35-37 Estes vv., en forma de oráculo, constitúen un comentario sapiencial ao compromiso de fidelidade de Iavé na nova alianza co seu pobo, pois as hipóteses que se propoñen, eran, para o estado da ciencia daquel momento, absolutamente irrealizables.
**31**, 38-40 Estas preocupacións pola reconstrución da cidade tamén son propias de Ezequiel.
*A Torre de Hananel* estaba ao NL da muralla. *A Porta da Esquina*, ao NO (cf 2 Re **14**, 13). *A Porta dos Cabalos* estaba ao SL. De *Gareb* non se coñece a situación; e *Goat* debe ser a conxunción dos tres vales: Guehenna, Tiropeón e Cedrón.
**32**, 1-44 Este xesto simbólico-profético comeza cunha introdución de carácter biográfico (vv. 1-5), na que se ofrecen: a datación (ano 588/7), as circunstancias da vida en asedio do profeta, preso no patio da garda do rei, e a razón da prisión. Os seus oráculos proféticos resultan unha invitación á deserción (vv. 3-5). No v. 6 comeza o relato autobiográfico: comunicación divina da chegada do primo Hanamel para que o profeta exerza os seus dereitos de "goel", comprándolle un campo que precisa vender; cumprimento da palabra de Deus, que o profeta entende como unha orde, polo que compra o campo (vv. 6-13); e, por orde divina, como explicación do valor simbólico, entrégalle o documento a Baruc, o escribán e discípulo seu, para que o garde ben, pois é un sinal profético de tempos mellores. Os vv. 16-44 son unha oración do profeta, coa que, despois de lembrar todos os dons de Deus (vv. 17-23a), pasa a falarlle ao Señor da desobediencia do pobo como resposta desagradecida aos dons e amor de Deus. Esta desobediencia xustifica o asedio como castigo que está sufrindo o pobo (vv. 23b-24), para acabar subliñando a súa sorpresa ante unha inversión con perspectivas de tan pouco rendemento. A oración do profeta ten a resposta oracular nos vv. 26-44: un oráculo de xuízo de castigo, cunha longa acusación (vv. 28-35), para acabar a explicación da pretendida perplexidade do profeta cun longo oráculo salvífico (vv. 36-44). Parece que o agrandamento do tema (vv. 17-44) é obra dos discípulos, porque abundan as referencias a outros lugares de Xer, e porque tenta clarificar o tema da merca simbólica, suficientemente expresada nos dezaseis primeiros vv.
**32**, 3 *O poder*: lit. "na man", signo antropolóxico da liberdade de acción.
**32**, 4 *Falarán... fronte a fronte*: lit. "a súa boca falaralle á boca del, e os seus ollos verán os ollos del".
**32**, 5 *Aínda que... non sairedes con éxito*: estas frases faltan na versión dos LXX, e deben ser unha glosa, que completa o texto coa historia posterior.
**32**, 8 Sobre o dereito de rescate das fincas dos familiares, cf Lev **25**, 25. A finalidade desta lei, que reflicte a solidariedade familiar dos antigos beduínos, é que os bens non saian da familia (cf Rut **2**, 20 e nota).

"Mércame o campo que teño en Anatot, na
rexión de Benxamín, xa que ti tes o dereito
de herdanza e a ti correspóndeche rescatalo:
cómprao para ti". E eu comprendín que aquilo era unha orde de Deus, [9]e merqueille a Hanamel, fillo do meu tío, o campo que el tiña en Anatot e peseille a prata: dezasete siclos foi o prezo. [10]Escribín o documento de compra, seleino e cerreino, fixenllelo asinar ás testemuñas e pesei a prata na balanza. [11]Logo collín a escritura da compra, o texto selado e cerrado coa lei e coas determinacións, e o texto aberto, [12]e entregueille o documento de compra a Baruc, fillo de Nerías, fillo de Maseías, á vista de Hanamel, o meu curmán, á vista das testemuñas, que asinaran a escritura da compra, e á vista de todos os xudeus que estaban presentes no patio da garda. [13]Á vista deles, deille a Baruc esta orde: [14]–Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Colle estes documentos, a escritura desta compra, a escritura cerrada e selada e esta escritura aberta, e ponos nunha ola de barro para que duren moito tempo, [15]pois así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Aínda se volverán mercar casas, campos e viñas neste país.

[16]Despois de lle dar a Baruc, fillo de Nerías, o documento da compra, dirixinlle ao Señor esta oración:

[17]–Ai, meu Señor, meu Deus!
Ti fixeches o ceo e mais a terra
co teu grande poder
e co teu brazo estendido:
nada hai demasiado difícil para ti.
[18]Mostras fidelidade con miles e miles,
mentres que devolves
a iniquidade dos pais
ao seo dos fillos que os suceden.
Este é o gran Deus, o guerreiro valente:
Señor dos Exércitos é o seu Nome.
[19]Grandeza a deste plan,
sublimidade a destes feitos!
Pois os teus ollos están ben abertos
sobre o comportamento
de todos os homes,
para darlle a cada un
conforme a súa conduta
e os froitos das súas obras.
[20]Mostrácheste realizando
sinais e prodixios
no país de Exipto ata o día de hoxe,
e deste xeito en Israel e en todo o mundo
adquiriches un renome
coma o que hoxe tes,
[21]xa que sacaches o teu pobo Israel
do país de Exipto
con sinais e con prodixios,
con man forte e brazo estendido,
con impresionante poder,
[22]e déchesslles esta terra
que lles xuraras dar a seus pais,
terra que deita leite e mel.
[23]Entraron e tomaron posesión dela,
pero non escoitaron a túa voz,
nin seguiron as túas normas,
non fixeron o que ti lles mandaras facer.
Por isto fixeches que lles acontecese
toda esta desgraza.
[24]Velaquí as ramplas de asedio
que chegan á cidade para conquistala,
a cidade entrégase ao poder dos caldeos,
que a estiveron asediando coa espada,
a fame e a peste.
Está a suceder o que eu dixen,
e ti estalo a ver.
[25]Pero, ti, meu Señor, Deus,
acábasme de dicir:
"Merca o campo con prata,
fai asinar ás testemuñas",
cando a cidade
está sendo entregada aos caldeos.

[26]Entón veulle a Xeremías a palabra do Señor nestes termos:

[27]–Eu, o Señor, son o Deus de todos os homes: Acaso hai algo imposible para min? [28]Por isto, así fala o Señor: Vou entregar esta cidade ao poder dos caldeos, ao poder de Nabucodonosor, rei de Babilonia, que a conquistará. [29]Os caldeos que están asediando esta cidade entrarán nela e prenderanlle lume; incendiarán as casas onde, nas terrazas, queimaron incenso en honor de Baal e verteron libacións a deuses alleos para anoxarme a min. [30]Pois foron os fillos de Xudá e mais os fillos de Israel os que xa desde a súa mocidade estiveron cometendo maldades aos meus

**32**, 9 *O prezo*: lit. "a prata", que aquí, por mor do artigo, ten o valor de prezo.
**32**, 10 Os documentos escribíanse con todas as estipulacións legais que autorizaban a compra, e asinábanse e selábanse; logo, cerrábase o escrito e atábase con dous cordeis; e, na parte de abaixo, copiábase o seu contido, que se podía comprobar na parte cerrada.
**32**, 18 *Fidelidade*: refírese aquí á fidelidade á alianza.
**32**, 21 *Con impresionante poder*: lit. "con grande temor"; pero o temor bíblico non sae do medo, senón que é o sentido de impotencia que o home sente ante a manifestación do poder de Deus.
**32**, 22 *Deita*: no sentido de manar.
**32**, 27 *Todos os homes*: lit. "toda carne", subliñando o matiz da debilidade do home.
**32**, 30 *Prácticas idolátricas*: lit. "obras das súas mans", referidas á construción dos ídolos e aos actos de culto idolátrico practicados.

ollos; certo, os fillos de Israel estanme a ofender coas prácticas idolátricas –é o Señor quen fala–. 31A pesar da miña ira e a pesar do meu furor, esta cidade está contra min desde o día en que a construíron ata o día de hoxe. Que se aparte da miña presenza, 32por toda a maldade dos fillos de Israel e dos fillos de Xudá que me fixeron enfadar: eles, os seus reis, os seus principais, os seus sacerdotes, os seus profetas, os homes de Xudá, os habitantes de Xerusalén! 33Volvéronme as costas e non deron a cara. Ensineilles a sabedoría, pero eles non aprenderon a lección do castigo. 34Poñen as súas abominacións no templo sobre o que se invoca o meu Nome para profanalo. 35Ollade: nos outeiros do val de Ben-Hinnom construíron os altares de Baal para pasar polo lume os seus fillos e mais as súas fillas en honor de Molok, cousa que nin eu lles mandei, nin se me veu á cabeza que fixesen semellante horror, extraviando deste xeito a Xudá.

36Pois ben, agora así fala o Señor, Deus de Israel, verbo desta cidade, que vós vedes que está á mercé do poder do rei de Babilonia, da espada, da fame e da peste: 37Vede que os vou xuntar de todos os países a onde os dispersei por causa da miña ira, da miña furia e do meu grande anoxo, e farei que volvan a este lugar e que vivan con toda a seguridade. 38Eles serán o meu pobo e eu serei o seu Deus. 39Dareilles a mesma mentalidade e o mesmo comportamento, de xeito que me respecten sempre. Que ben será para eles e para os fillos que os sucedan! 40Pactarei con eles unha alianza eterna; non me apartarei deles para lles facer ben e porei o meu respecto no seu corazón, de xeito que non se aparten da miña presenza. 41Alegrareime neles facéndolles ben e na miña fidelidade heinos plantar nesta terra con todo o meu corazón e con todas as miñas forzas.

42Así fala o Señor: O mesmo que trouxen sobre este pobo toda esta grande calamidade, así tamén lles traerei todo o ben que lles estou prometendo. 43Mercarase o teu campo neste país que vós estades vendo feito unha desolación por falta de homes e de animais, que está sendo entregado ao poder dos caldeos. 44Mercarán campos con prata, redactarase a escritura, asinarana e cerrarana e firmarán as testemuñas na rexión de Benxamín, nos arredores de Xerusalén, nas cidades de Xudá, nas cidades da montaña, nas cidades da Xefelah e nas cidades do Négueb, xa que eu farei volver os seus cativos –é o Señor quen fala.

### Oráculos salvíficos para Xudá e Xerusalén

**33** 1A palabra do Señor veulle de segundas a Xeremías nestes termos, mentres continuaba aínda preso no patio da garda:

2–Así fala o Señor, que o fará; o Señor, que lle dará forma; o Señor daralle o ser, o seu nome é Iavé: 3Chámame e respondereiche, e mostrareiche cousas grandes e inaccesibles: ti non as coñeces. 4Así fala o Señor, Deus de Israel, acerca das casas desta cidade e dos palacios dos reis de Xudá que están para ser arrasados. A forza das ramplas de asedio e a forza da espada 5veñen loitar xunto cos caldeos: encheranos a eles de cadáveres de homes que eu ferín coa miña ira e co meu furor, xa que lle escondín a miña cara a esta cidade por toda a súa malicia. 6Pero velaquí que eu lle poñerei á cidade remedios e curas, e curareina; descubrireilles as riquezas da paz e da seguranza. 7Farei volver os cativos de Xudá e os cativos de Israel, e restablecereinos coma no principio. 8Purificareinos de toda a súa iniquidade, coa que pecaron contra min; perdoarei todas as iniquidades coas que pecaron contra min e coas que se rebelaron contra min. 9Isto será para min un alegre re-

**32**, 33 *Ensineilles a sabedoría*: co castigo móstrase o verdadeiro camiño do éxito.
**32**, 36 *Vós vedes*: o verbo hebreo "amar", ten aquí, coma no acádico, o sentido primitivo de "ver", e non o de "dicir".
**32**, 40 *Alianza eterna* (cf Is **24**, 5), porque a fidelidade de Deus é eterna. O hebreo entende a alianza como presenza de Deus que provoca respecto e veneración. Nótese que o corazón está polas intencións e plans da persoa, non polos sentimentos.
**32**, 41 *Forzas*, matiz que ten aquí o vocábulo hebreo "néfex".
**33**, 1-13 As circunstancias destes oráculos son as mesmas de **32**, 1ss. O texto ábrese cun primeiro oráculo referido á revelación profética (v. 3), presentado cunha fórmula de introdución especialmente solemne, pois ao nome de Iavé engadíronselle fórmulas hímnicas que subliñan o poder creacional de Deus. O primeiro oráculo de revelación (vv. 4-9) é un oráculo salvífico sobre Xerusalén, Xudá e Israel, que servirá de revelación de Iavé ante os pobos. O segundo oráculo (vv. 10-11) alude ao templo e ás rúas de Xerusalén, a onde volverán a salmodia e as cántigas de amor co retorno dos cativos. O terceiro oráculo (vv. 12-13) contempla os campos do país, que se volverán encher de rabaños. Nos tres oráculos, o elemento de contraste antecede os oráculos, e ten a función de presentarnos as circunstancias históricas, que coinciden co v. 1.
**33**, 2 *Fará, ...dará forma...*: termos creacionais referidos aos feitos salvíficos dos que acaba de falar e segue falando. *Daralle o ser*: verbo en forma causativa, que equivale a "facer ser".
**33**, 5 *Escondín a miña cara*: signo antropomórfico da presenza benévola.
**33**, 9 Esta ledicia dos pobos xorde do recoñecemento do poder salvífico e da divindade de Iavé, preparándose deste xeito a doutrina do universalismo salvífico.

nome, un motivo de loanza e de gloria ante
todos os pobos da terra, que oian todo o ben
que eu lles fixen a Xudá e a Israel; os pobos
saltarán e brincarán de ledicia por todo o ben
e toda a paz que eu lles fixen. [10]Así fala o
Señor: Neste lugar que vós vedes que está
devastado por falta de homes e por falta de
animais; nas cidades de Xudá e nas rúas de
Xerusalén, desoladas por falta de homes, por
falta de habitantes e por falta de animais, aín-
da se volverán oír [11]berros de alegría e voces
de gozo, o cantar do esposo e a cántiga da
esposa, e a salmodia dos que, ao presentaren
o sacrificio de acción de grazas no templo do
Señor, dirán: "Loade o Señor dos Exércitos.
Que bo é o Señor! Eterna é a súa fidelidade!".

Si, eu farei volver os cativos desta nación
coma nun principio –dío o Señor–.

[12]Así fala o Señor dos Exércitos: Neste
país desolado por falta de homes e por falta
de animais, e en todas as súas cidades, aínda
volverá haber pasteiros de pastores que fa-
gan descansar os seus rabaños. [13]Nas cidades
da montaña, nas cidades da Xefelah, nas ci-
dades de Négueb, na rexión de Benxamín,
nos arredores de Xerusalén e nas cidades de
Xudá, aínda volverán pasar as reses ante as
mans do que as conta –di o Señor.

### Fidelidade de Deus á Alianza

[14]Velaquí os días –é o Señor quen fala–
nos que cumprirei a promesa
que lles fixen á casa de Israel
e á casa de Xudá.
[15]Nos días aqueles e no intre aquel
farei abrollar de David
un fillo lexítimo,
que practicará o dereito
e a xustiza no país.
[16]Nos días aqueles
salvarase Xudá,
e Xerusalén descansará na seguridade,
e este lugar chamarase:
"Iavé, nosa xustiza!".

[17]Certo, así fala o Señor: Non será priva-
do David dun que sente no trono da casa de
Israel, [18]nin aos sacerdotes levíticos os pri-
varán de que me sirvan na miña presenza
ofrecendo holocaustos, queimando ofrendas
e celebrando o sacrificio de todos os días.

[19]Veulle a palabra de Deus a Xeremías
nestes termos:

[20]–Así fala o Señor: Cando quebrantan
a miña alianza de día e cando a quebrantan
de noite, o meu corazón estarrece día e noi-
te polo seu matinar; [21]de certo que rompe o
meu pacto co meu servo David, que non lle
faltaría un fillo que fose rei no seu trono, e
rompe o meu pacto cos sacerdotes levíticos,
meus servidores. [22]Pero o mesmo que non se
contan as estrelas do ceo, nin se dá medido a
area do mar, así hei multiplicar a descenden-
cia de David, o meu servo, e a dos levitas que
me serven a min.

[23]Logo veulle a palabra do Señor a Xere-
mías nestes termos:

[24]–Acaso non viches o que este pobo di?:
"As dúas familias que o Señor escollera,
rexeitounas". Así rexeitan o meu pobo e non
o consideran pobo ante eles. [25]Así fala o Se-
ñor: Tan certo como cumpro a miña alianza
co día e coa noite, e teño establecidas as leis
do ceo e da terra, [26]así non rexeito a descen-
dencia de Xacob e de David, o meu servi-
dor, nin deixarei de coller dela os xefes para
a descendencia de Abraham, Isaac e Xacob.
Certo, eu rescatarei a súa catividade e com-
padecereime desta descendencia.

### Oráculos sobre Sedecías

**34** [1]Cando Nabucodonosor, rei de Babi-
lonia e o seu exército, todos os reinos

**33**, 10 *Neste lugar*: o heb. "maqom" debe ter aquí sentido de santuario, aínda non arrasado, pero si falto de fieis e de reses para os sacrificios (cf a referencia aos sacrificios de acción de grazas do v. 11, que está en paralelismo con esta referencia inicial).

**33**, 14-26 Esta sección recolle tres oráculos, que deben datarse nos días da caída de Xerusalén, en tempos de Sedecías (ano 587). Trátase neles do rexeitamento divino das dúas familias escollidas, a de David e a de Leví. Os oráculos afirman a fidelidade de Iavé ás súas promesas. O primeiro (vv. 14-18), despois do título xeral da sección (v. 14) afirma que a promesa feita a David (2 Sam **7**, 16) mantén en pé a súa liña de descendencia, e que se cumprirá o significado do nome do rei Sedecías (= Iavé é a xustiza). No v. 18 afírmase a vixencia da promesa feita a Leví. O segundo oráculo (vv. 19-22) resolve o problema da deportación do rei Sedecías e dos sacerdotes, pola abundancia dos seus descendentes, aceptando o feito de que, ante a infidelidade humana á alianza, Deus rompe o pacto cos individuos concretos. O terceiro oráculo (vv. 23-26) contrasta o dito do pobo de que Deus rexeitou as dúas familias (levítica e davídica), cunha afirmación enfática da vixencia da alianza de Deus con David, que se fai remontar á alianza con Xacob.

**33**, 15-16 O mesmo texto aparece, en función redaccional, en **23**, 5-6.

**33**, 26 *Nin deixarei de coller*: seguirei collendo. Xer considera a promesa feita a David como continuación e consecuencia das promesas feitas aos patriarcas.

**34**, 1-7 Este texto contén dous oráculos: o primeiro (vv. 2-3) é de anuncio de castigo para a cidade e para o rei; mentres que o segundo (vv. 4-5) é máis ben un oráculo relativamente salvífico, pois supón unha moderación do castigo anunciado nos vv. 2-3. O texto oracular está introducido no v. 1 e rematado nos vv. 6-7 por unhas notas redaccionais, que subliñan datos diferentes da mesma situación histórica, o asedio do ano 588/7.

da zona do seu dominio e todos estes pobos
estaban en guerra contra Xerusalén e con-
tra todas as súas cidades, a palabra de parte
do Señor veulle a Xeremías nestes termos:
2–Así fala o Señor, Deus de Israel: Vai e dille
a Sedecías, rei de Xudá: Así fala o Señor: Eu
entrego esta cidade nas mans do rei de Ba-
bilonia que a incendiará. 3Ti non escaparás
da súa man; ben certo que serás arrestado e
entregado á súa disposición; os teus ollos ve-
rán os ollos do rei de Babilonia e el en persoa
falará contigo, e irás a Babilonia. 4Con todo,
escoita Sedecías, rei de Xudá, a palabra do
Señor. Así fala o Señor acerca de ti: non mo-
rrerás a espada. 5Morrerás en paz e o mesmo
que se queimaron perfumes polos teus pais,
os primeiros reis, teus antepasados, así tamén
os queimarán por ti e chorarán por ti: "Ai,
Señor". Son eu quen che dou a miña palabra
–é o Señor quen fala–.

6E o profeta Xeremías díxolle a Sedecías, o
rei de Xudá, todas estas cousas en Xerusalén,
7mentres as forzas do rei de Babilonia estaban
loitando contra Xerusalén e contra as cidades
de Xudá que aínda resistían: contra Laquix
e Azecah, pois elas eran, entre as cidades de
Xudá, as cidades fortes que quedaban.

8Esta é a palabra que lle veu a Xeremías
de parte do Señor, logo que o rei Sedecías
fixo con todo o pobo, que se atopaba en
Xerusalén, o pacto de proclamaren a liber-
dade dos escravos; 9o pacto de que cada un
mandaría libres o seu escravo e a súa escra-
va, hebreo ou hebrea, de xeito que por eles,
por hebreos, non fose servido ningún irmán
seu. 10Fixéronlle caso todas as autoridades e
todo o pobo que entrara no pacto de que cada
un mandaría libres o seu servo e mais a súa
serva, de xeito que non serían máis servidos
por eles. Mantiveron a palabra e deixáronos
ser libres. 11Despois volvéronse da palabra
dada e fixeron retornar os servos e servas
que deixaran libres, e fixeron que os servisen
coma servos e coma servas.

12Entón veulle de parte do Señor a Xere-
mías a palabra do Señor nestes termos: 13–Así
fala o Señor, Deus de Israel: Eu son quen fixo
un pacto con vosos pais o día que os saquei
do país de Exipto, da casa de escravos, nestes
termos: 14Ao cabo de sete anos, cada un de
vós liberará o seu irmán hebreo que lle fora
vendido. Servirate seis anos, logo mandaralo
libre de onda ti. Pero os vosos pais non me
fixeron caso, nin prestaron oído.

15E vós hoxe xa vos converterades e fixe-
rades o que é xusto aos meus ollos, ao pro-
clamardes cada un a liberdade para o seu
irmán e facerdes un pacto diante de min, na
casa onde se invoca o meu Nome. 16Pero vol-
véstesvos atrás e profanastes o meu Nome,
facendo cada un de vós volver o seu servo
e a súa serva, que mandarades libres, e some-
téstelos a ser servos e servas vosos. 17Por iso,
así fala o Señor: Vós non me fixestes caso ao
proclamardes cada un a liberdade para o seu
irmán e para o seu compañeiro. Eu estou a
proclamar contra vós a liberdade da espada,
da peste e da fame, e convertereivos en algo
que fará estremecer a todos os reinos da terra
–é o Señor quen fala–. 18Os homes que que-
brantaron o meu pacto, que non mantiveron
os compromisos que eles pactaron, a estes
entregareinos ás maldicións pronunciadas na
presenza do becerro que cortaron en dous,
pasando por entre os anacos. 19Ás autoridades
de Xudá e ás autoridades de Xerusalén, aos
eunucos e aos sacerdotes e a todos os campe-
siños, que pasaron entre os dous anacos do
becerro, 20entregareinos ao poder dos seus
inimigos e ao poder dos que andan á busca
da súa vida, e o seu cadáver servirá de carna-
za para os paxaros do ceo e para os animais
da terra. 21E a Sedecías e aos seus ministros
entregareinos ao poder dos seus inimigos, ao
poder dos que andan ao axexo da vida e ao
poder dos exércitos do rei de Babilonia que
se están retirando da vosa presenza. 22Eu dou
unha orde –é o Señor quen fala–, e fareinos

**34**, 4 *Con todo*: dálle ao oráculo salvífico que introduce un sentido restritivo de oráculo de castigo.
**34**, 5 Sobre a queima de perfumes no ritual funerario, cf 2 Cro **16**, 14; **21**, 19.
**34**, 8-22 Esta unidade consiste fundamentalmente nun discurso (vv. 13-22), composto no esquema dun oráculo de xuízo de castigo, coa acusación nos vv. 13-16, e co xuízo de castigo nos vv. 17-22. Os vv. 8-12, e especialmente os vv. 21-22, preséntannos as circunstancias. Indo xa avanzado o asedio de Xerusalén, polo tanto na primavera do 587, as autoridades entenden que é mellor manumitir os escravos hebreos, cumprindo así a lei do Dt **15**, 12-13 (cf vv. 9 e 14), pois na angustia pénsase en Deus e na súa lei. Por outra banda, os escravos de nada servían para os intereses da familia, e, cando menos, non había que mantelos; con todo, dáselle ao rito un carácter relixioso (cf vv. 15. 18-19), sacralizando o pacto cun sacrificio e coas bendicións e maldicións; pero, cando na primavera do mesmo ano as tropas caldeas levantan o asedio, ao acudiren exipcios en axuda dos asediados (vv. 21-22), entón os que manumitían escravos vólvenos a someter á escravitude.
**34**, 8 *De proclamaren*: lit. "de que a liberdade dos escravos sería proclamada por eles".
**34**, 14 Dt **15**, 12-13.
**34**, 16 *Libres*: lit. "libres no seu néfex"; pero aquí o "néfex" significa a libre disposición dun mesmo.
**34**, 18 *Compromisos*: lit. "palabras", "preceptos". Na presenza do becerro: referencia ao ritual do pacto (cf Xén **15**, 17ss).

volver a esta cidade: loitarán contra ela e
prenderanlle lume; converterei as cidades de
Xudá nunha desolación sen habitantes.

**Xesto simbólico cos recabitas: discurso**

**35** [1]Esta é a palabra que de parte do Señor
lle veu a Xeremías no tempo de Ioa-
quim fillo de Ioxías, rei de Xudá, nestes
termos: [2]–Vai á familia dos recabitas e trata
con eles de que veñan ao templo do Señor,
a un dos comedores, e logo dálles de beber
viño.

[3]Eu fun buscar a Iazanías, fillo de Xere-
mías, fillo de Habasinías, aos seus irmáns,
a toda a súa familia e a toda a familia dos
recabitas, [4]e tróuxenos ao templo do Señor,
ao comedor dos fillos de Hanán, fillo de Ig-
dalías, o home de Deus. Ese comedor está ao
lado do das autoridades e enriba da alcoba
de Maseías, fillo de Xalum, garda da entrada.
[5]Puxen diante dos fillos do clan dos recabitas
xerras cheas de viño e cuncas, e díxenlles:
–Bebede viño.

[6]Pero eles responderon: –Nós non bebere-
mos viño, xa que Ionadab, fillo de Recab, o
noso pai, deunos estas normas: "Non bebades
viño nunca máis nin vós nin os vosos fillos;
[7]non construades casas, nin sementedes se-
mente, nin plantedes viñas nin as teñades, xa
que habitaredes en tendas toda a vosa vida,
para deste xeito vivirdes moitos días na te-
rra onde viviredes peregrinos". [8]E nós vimos
obedecendo as instrucións que Ionadab nos
deu, tocante a non bebermos viño durante
toda a nosa vida, nin nós nin as nosas mulle-
res, nin os nosos fillos, nin as nosas fillas; [9]e
tocante a non construírmos casas para vivir,
nin termos viñas, nin campos, nin sementes,
[10]e vivirmos en tendas. Nós obedecemos e
facemos todo o que nos mandou Ionadab,
noso pai. [11]Pero cando Nabucodonosor, rei
de Babilonia, subiu a este país, nós dixemos:
"É mellor entrar en Xerusalén para fuxir do
exército dos caldeos e do exército dos ara-
meos", e por isto vivimos en Xerusalén.

[12]Logo veulle a Xeremías a palabra do
Señor nestes termos: [13]–Así fala o Señor dos
Exércitos, Deus de Israel: Vai dicirlle a cada
home de Xudá e aos habitantes de Xerusalén:
Non aprendedes a lección para obedecerdes
as miñas palabras? –é o Señor quen fala–.
[14]Eles gardan as palabras de Ionadab, fillo
de Recab, quen lles deu aos seus fillos ins-
trucións para que non bebesen viño, e non o
beben ata o día de hoxe; eles si que obedecen
o mandato de seu pai. Pero a min, aínda que
madruguei a dicírvolo e o fixen insistente-
mente, non me fixestes caso; [15]aínda que apu-
rei a mandarvos os meus servos os profetas,
e repetidas veces volos mandei a dicirvos:
"Arrepentídevos cada un de vós do seu mal
vieiro, mellorade o voso comportamento,
non vaiades tras deuses alleos para lles dar
culto, e así viviredes na terra que vos dei a
vós e a vosos pais", vós non prestastes oído,
nin me fixestes caso. [16]Os fillos de Ionadab,
fillo de Recab, si que manteñen o precepto
que seu pai lles ordenou, pero este pobo non
me fai caso. [17]Por iso, así fala o Señor dos
Exércitos, o Deus de Israel: Ollade: vou traer
contra Xudá e contra todos os habitantes de
Xerusalén toda a calamidade que lles anun-
ciei, porque lles falei e non escoitaron, be-
rreilles e non me responderon.

[18]Polo contrario, ao clan dos recabitas,
díxolle Xeremías: –Así fala o Señor dos
Exércitos, o Deus de Israel: Visto que obe-
decestes o precepto de Ionadab, voso pai, e
observastes o seu mandado, e fixestes todo
o que el vos mandou [19]así fala o Señor dos
Exércitos, o Deus de Israel: Non lle falta-
rán a Ionadab, fillo de Recab, descendentes
que se manteñan na miña presenza todos os
días.

**35**, 1-19 Este texto, despois dunha introdución redaccional de datación imprecisa (v. 1), preséntanos un xesto simbólico: a invitación a beber viño no templo, feita aos recabitas (vv. 2-5), que prepara unha longa resposta negativa deste clan (vv. 6-11), na que expoñen o seu xeito de vida nómade ou seminómade, soamente interrompido polas graves razóns de bandas armadas caldeas e arameas. Nos vv. 12-19 contense a explicación do simbolismo ao xeito dun discurso organizado no esquema dun oráculo de xuízo de castigo, no que a acusación de desobediencia ás ordes de Deus contrasta coa obediencia dos recabitas ás ordes de seu pai (vv. 13-16), e o anuncio de castigo (v. 17) contrasta tamén cun oráculo salvífico para o clan dos recabitas (vv. 18-19). A datación desta acción simbólica depende do v. 11: a presenza do exército dos caldeos e dos arameos (cf 2 Re **24**, 14ss), que se ha situar entre o 601 e o 598, momento de insubordinación de Ioaquim a Nabucodonosor, despois da súa derrota en Exipto. Esta tribo nómade era iavista, pois o seu devanceiro Ionadab ben Recab axuda a Iehú no seu golpe de estado contra a impía casa de Ahab (2 Re **10**, 15-17).

**35**, 14 *Eles gardan*: a expresión hebrea aparece en diversas linguas orientais co sentido de protexer, gardar, abrigar, coidar.

**35**, 18 A fidelidade ás tradicións paternas preséntase como algo sacral e relixioso, pois merece a bendición divina.

# PAIXÓN DE XEREMÍAS

### O rolo inicial dos oráculos de Xeremías

**36** [1]No ano cuarto de Ioaquim, fillo de Ioxías, rei de Xudá, veulle a Xeremías esta palabra de parte do Señor: [2]–Colle un rolo limpo, e escribe nel todos os oráculos que eu che comuniquei acerca de Xerusalén e de Xudá e de todos os pobos, desde o día que che empecei a falar nos tempos de Ioxías ata o día de hoxe.[3]Talvez escoiten os de Xudá toda a desgraza que estou pensando causarlles, de xeito que se arrepintan cada un deles do seu mal comportamento, e eu lles poida perdoar as súas iniquidades e mais os seus pecados.

[4]Entón Xeremías chamou a Baruc, fillo de Nerías, e Baruc escribiu no rolo limpo, ao ditado de Xeremías, todos os oráculos que o Señor lle dixera.

[5]Logo Xeremías deulle esta orde a Baruc: –Eu estou preso, non podo entrar no templo do Señor. [6]Vai ti e le no rolo o que escribiches ao meu ditado, todos os oráculos do Señor, na presenza de todo o pobo que se atopa no templo do Señor nun día de xaxún; leralos tamén en voz alta na presenza de todos os xudeus que veñen das súas diferentes cidades. [7]Talvez a súa oración caia ben na presenza do Señor e se arrepintan cada un do seu mal comportamento, porque terrible é a cólera e o furor que o Señor anunciou sobre este pobo.

[8]Baruc, fillo de Nerías, fixoo todo tal como lle mandou o profeta Xeremías: unha vez no templo do Señor leu no rolo todos os oráculos do Señor. [9]No ano quinto de Ioaquim, fillo de Ioxías, rei de Xudá, no mes noveno, convocouse un xaxún na presenza do Señor para todo o pobo de Xerusalén, e para todo o pobo que, procedente das cidades de Xudá, se xuntaba en Xerusalén. [10]Unha vez no templo do Señor e na presenza de todo o pobo leu Baruc no libro todos os oráculos de Xeremías na sala do notario Guemarías, fillo de Xafán, no patio de arriba, á entrada da Porta Nova do templo do Señor.

[11]Miqueas, fillo de Guemarías, fillo de Xafán, escoitou todos os oráculos do Señor que estaban no escrito, [12]e, deseguido, baixou ao palacio real, á sala do notario e alí estaban en sesión todas as autoridades: Elixamá, o notario, Delaías, fillo de Xemaías, Elnatán, fillo de Acbor, Guemarías, fillo de Xafán, Sedecías, fillo de Hananías e todas as restantes autoridades. [13]Miqueas contoulles todas as cousas que lle oíra ler a Baruc, cando este lía o libro na presenza do pobo. [14]Entón o consello de ministros mandou onda Baruc a Xehudí, fillo de Netanías, fillo de Xelemías, fillo de Cuxí, a que lle dixese: "Colle na túa man o rolo que liches en presenza do pobo e ven".

Colleu Baruc, fillo de Nerías, na súa man o rolo, e entrou onda os ministros. [15]Eles dixéronlle: –Senta e leo diante de nós.

E Baruc leuno diante deles. [16]Ao oíren todos os oráculos, cheos de pánico, miraron uns para os outros e dixéronlle: –Ben certo, Baruc, que lle comunicaremos ao rei todos estes oráculos.

[17]E a Baruc preguntáronlle: –Indícanos como recolliches por escrito da súa boca todos estes oráculos.

[18]Respondeulles Baruc: –El en persoa ditábame todos estes oráculos e eu escribíaos no rolo con tinta.

[19]Logo, os ministros dixéronlle a Baruc: –Vai e escóndete ti xunto con Xeremías, e que ninguén saiba onde estades.

[20]Eles, logo que puxeron o rolo na oficina de Elixamá, o notario, entraron no patio

**36**, 1-32 Deste relato biográfico interesa subliñar a posta por escrito dos oráculos de xuízo de castigo dos que é autor Xer. O mesmo profeta preocúpase deles con todo coidado (vv. 2-4. 7. 18), engadindo no segundo ditado outros semellantes (v. 32), pois en Xer temos a maior e máis completa colección de textos proféticos. O relato subliña a intención salvífica da colección: provocar a conversión (vv. 3. 7), cousa que consegue polo menos nalgúns dos oíntes (v. 16). Tamén se subliña o perigo que supón ser portador da palabra de Deus (v. 19); pero neste perigo está presente a asistencia divina (vv. 26-27) e a prevalencia do dinamismo da palabra (vv. 29-32). O momento no que o profeta recibe a orde divina de que se compoña o rolo é o ano 605, data da batalla de Kárkemix, que lles dá a hexemonía do Medio Oriente aos babilonios, despois do curto dominio exipcio (609-605). O xaxún do ano 604, que foi o momento no que o rolo foi coñecido polas autoridades, debeu ter como motivo a angustiosa situación da submisión dos babilonios, pois neste mesmo ano cae Axquelón e isto pode explicar o feito de que o rei queime os anacos do rolo (v. 23), pois xa se someteu aos babilonios.

**36**, 2 *Rolo limpo*: lit. "rolo de libro"; pois os hebreos escribían en rolos moi longos (10-15 m), en columnas verticais, con paus cilíndricos nos extremos, para ir envolvendo ou desenvolvendo.

**36**, 5 *Estou preso*. En **23**, 1 e **39**, 15 significa que está na cadea; pero aquí non está claro que se refira ao cárcere, pois non hai datos paralelos que o proben: quizais signifique soamente que lle está prohibida a entrada no templo, polos incidentes do discurso contra o templo (**26**, 1-24) e pola discusión con Paxhur (**20**, 1-6).

**36**, 18 *En persoa ditábame*: lit. "desde a súa boca clamaba cara a min".

onda o rei e contáronlle a el en persoa todas as cousas que pasaran.
21Entón o rei mandou a Iehudí buscar o rolo. El colleuno na oficina de Elixamá, o notario, e o mesmo Iehudí o leu na presenza do rei e na presenza de todas as autoridades que estaban de pé ante o rei. 22O rei estaba sentado no palacio de inverno, estaban no noveno mes e cun braseiro aceso diante del. 23E cando Iehudí tiña lidas tres ou catro columnas, o rei rachábaas cun coitelo de escribán, e botábaas ao lume do braseiro, ata consumir todo o rolo no lume do braseiro. 24Nin o rei nin os seus servidores ao escoitaren todos estes oráculos se amedrentaron nin racharon os seus vestidos. 25E aínda que Elnatán, Delaías e Guemarías lle insistían ao rei para que non queimase o rolo, el non lles fixo caso. 26E o rei mandoulles a Ierahmel, príncipe real, a Seraías, fillo de Azriel, e a Xelemías, fillo de Abdel, que arrestasen a Baruc, o escribán, e mais a Xeremías, o profeta. Pero o Señor mantívoos escondidos.
27Despois que o rei queimara o rolo e mais os oráculos que Baruc escribira ao ditado de Xeremías, veulle a palabra do Señor a Xeremías nestes termos: 28–Volve a facerte con outro rolo e escribe de novo nel todos os oráculos de antes, os que había no primeiro rolo que queimou Ioaquim, rei de Xudá. 29E a Ioaquim, rei de Xudá, haslle dicir: Así fala o Señor: Ti queimaches aquel rolo, dicindo: "Por que escribiches nel virá o rei de Babilonia e destruirá esta capital e fará desaparecer dela homes e animais?". 30Por isto, así fala o Señor acerca de Ioaquim, rei de Xudá: Non terá quen sente no trono de David, e o seu cadáver quedará exposto á calor durante o día e ao frío durante a noite. 31Pedireille contas a el, á súa descendencia e aos seus servidores das súas iniquidades; e traerei contra eles, contra todos os habitantes de Xerusalén e contra cada un dos xudeus, toda a desgraza que lles anunciei e da que non fixeron caso.
32Entón Xeremías colleu outro rolo e deullo a Baruc, fillo de Nerías, o escribán, que escribiu nel, ao ditado de Xeremías, todos os oráculos do libro que Ioaquim, rei de Xudá, queimara no lume. E aínda se lles engadiron a aqueles outros moitos oráculos semellantes.

### Xuízo xeral sobre Sedecías

**37** 1O rei Sedecías, fillo de Ioxías, reinou en vez de Ieconías, fillo de Ioaquim, xa que Nabucodonosor, rei de Babilonia, o constituíu rei no país de Xudá. 2Pero ninguén fixo caso das palabras que o Señor comunicou por medio do profeta Xeremías: nin el nin os seus ministros nin os terratenentes.
3O rei Sedecías mandou a Iehucal, fillo de Xelemías, e ao sacerdote Sefanías, fillo de Maseías, a dicirlle a Xeremías: "Se fas o favor, reza ao Señor, noso Deus, por nós". 4Naquel entón Xeremías andaba libremente entre o pobo, pois aínda non o meteran no cárcere.

### Resposta do profeta á embaixada de Sedecías

5Daquela as tropas do faraón saíron de Exipto, e tan pronto como os caldeos, que estaban cercando Xerusalén, oíron a noticia, levantaron o cerco de Xerusalén. 6Entón veulle a palabra do Señor ao profeta Xeremías nestes termos: 7–Así fala o Señor, Deus de Israel: Así tedes que lle falar ao rei de Xudá, que vos mandou onda min para que eu consultase: velaquí as tropas do faraón que saíron para axudarvos, pero volveran ao seu país de Exipto. 8E os caldeos darán volta e loitarán contra esta cidade, tomarana e prenderanlle lume. 9Así fala o Señor: Non levantedes os vosos ánimos dicindo: "De seguro que os caldeos marchan da nosa presenza", porque non marcharán. 10Aínda que derrotásedes a todos os exércitos dos caldeos que loitan contra vós, de xeito que non quedasen máis que soldados acoitelados, cada un deles erguería se da súa tenda e prenderíalle lume a esta cidade.

**36**, 22 *O noveno mes*: o correspondente a novembro / decembro.
**36**, 26 *Príncipe real*: lit. "fillo do rei", pero non de Ioaquim, o rei entón de trinta anos (cf 2 Re **23**, 36), que non pode ter un fillo con misións policiais.
**36**, 29 *Esta capital*: o termo hebreo "eres" con artigo, debe referirse a Xerusalén como capital do estado.
**36**, 30 Sobre a referencia aos ósos do rei, cf nota a **22**, 13-19.
**37**, 1-4 Parece que estes catro vv. constitúen unha introdución redaccional a toda esta sección biográfica sobre os sufrimentos do profeta por mor da súa misión, remarcando a desobediencia do rei e dos seus conselleiros e homes de poder, a pesar da fe do rei na oración do profeta.
**37**, 3 Os embaixadores pídenlle ao profeta que rece, o que hai que entender no sentido de consultar mediante a oración; pero o autor puido empregar o verbo consultar (hebreo "darax"), coma no v. 7.
**37**, 4 A posición deste v. despois da embaixada e a descrición da circunstancia histórica do v. 5, confirman a intención redaccional de título deste v.
**37**, 5 Sobre a situación histórica, cf nota a **34**, 8-22.
**37**, 7-10 A resposta profética dáse en dous oráculos, dos que o primeiro (vv. 7-8) é de castigo, e o segundo (vv. 9-10) é unha enfatización do mesmo.

**Xeremías na cadea**

11Cando o exército dos caldeos levantou o
cerco de Xerusalén a causa da presenza do
exército do faraón, 12saíu Xeremías de Xeru-
salén para ir á rexión de Benxamín, a fin de
asistir á repartición dunha herdanza entre o
pobo. 13Ao chegar el á porta de Benxamín, xa
estaba tamén alí o xefe da inspección, cha-
mado Ierías, fillo de Xelemías, que prendeu
ao profeta Xeremías, dicíndolle: –Ti estaste
pasando aos caldeos.

14Xeremías repuxo: –Mentira! Non me es-
tou pasando aos caldeos.

Pero Ierías non lle fixo caso e prendeu a
Xeremías, e levouno xunto ás autoridades.
15As autoridades anoxáronse con Xeremías,
fixérono azoutar e metérono na cadea, na
casa de Ionatán, o escribán, pois tíñana con-
vertida en cárcere. 16Así entrou Xeremías no
interior da cisterna, nas bóvedas. Alí estivo
vivindo Xeremías moito tempo.

**Consulta de Sedecías e mellora da prisión do profeta**

17O Rei Sedecías mandouno buscar, e in-
terrogouno en secreto na súa casa: –Hai al-
gunha palabra de parte do Señor?

Respondeulle Xeremías: –Si. E engadiu:
–Serás entregado no poder do rei de Babilonia.

18Díxolle Xeremías ao rei Sedecías: –Que
delito cometín contra ti, ou contra os teus
servidores ou contra este pobo, para que me
metades no cárcere? 19Onde están os vosos
profetas que vos profetizaron dicindo: "O rei
de Babilonia non virá contra nós nin contra
este país?". 20Pois agora, meu señor, meu
rei, escóitame, por favor. Que a miña súplica
sexa ben acollida na túa presenza, non permi-
tas que volva á casa de Ionatán, o escribán,
non permitas que eu morra alí.

21Entón o rei Sedecías deu a orde de que
custodiasen a Xeremías no patio de garda e
de que lle desen ao día unha bola de pan da
Rúa dos Panadeiros, ata que se acabase o pan
da cidade. Deste xeito viviu Xeremías no pa-
tio da garda.

**Xeremías, no pozo. Intercesión de Ébed-Mélec**

**38** 1Xefatías, fillo de Matán, Guedalías,
fillo de Paxhur, Iucal, fillo de Xele-
mías e Paxhur, fillo de Malaquías, oíron es-
tes oráculos que Xeremías lle dicía a todo o
pobo: 2–Así fala o Señor: Quen siga vivindo
nesta cidade morrerá de espada, de fame e de
peste; quen se pase aos caldeos vivirá, terá
como ganancia a súa respiración e a súa vida.
3Así fala o Señor: Esta cidade será de certo
entregada ao poder dos exércitos do rei de
Babilonia, que a conquistará.

4Entón as autoridades dixéronlle ao rei:
–Fágase morrer a este home, pois deste xei-
to está a afrouxar os ánimos dos homes de
guerra que quedan nesta cidade e os ánimos
de todo o exército, dicíndolles cousas coma
estas. Certamente este home non está a bus-
car o benestar para o pobo, senón que está a
buscar a súa desgraza.

5O rei Sedecías repúxolles: –Aí o tedes no
voso poder, pois o rei non pode nada contra
vós.

6Eles colleron a Xeremías e botárono na
cisterna de Malaquías, príncipe real que es-
taba no patio da garda, baixando a Xeremías
con cordas. No pozo non había auga, senón
lama, e Xeremías enterrouse na lama. 7Ébed-
Mélec, o etíope, eunuco, que vivía no palacio
do rei, oíu que puxeran a Xeremías na cister-
na. Mentres o rei estaba sentado na porta de
Benxamín, 8saíu Ébed-Mélec do palacio real
e faloulle ao rei nestes termos: 9–Meu señor,
meu rei, estes homes cometeron unha inxus-
tiza con todo o que lle fixeron a Xeremías, o
profeta, e con botalo na cisterna; vai morrer
onde está, por falta de pan, xa que non hai
pan na cidade.

**37**, 12 Esta repartición da herdanza quizais aluda a un posible ano sabático ou xubilar, no que tamén se facía a manumisión dos escravos (cf **32**, 1-15; Dt **15**, 1-11 e Lev **25**, 1-17).

**37**, 14 Os que o castigan son as autoridades, e non o rei, pois este trata con el en secreto, e respéctao canto pode (cf vv. 20-21).

**38**, 1-13 Algúns críticos consideran que este episodio pertence a unha tradición diferente, referida ao mesmo feito de **37**, 11-21, por mor das coincidencias de prisión nun pozo, intercesión ante o rei, que mellora a situación do prisioneiro e o libra da morte Pero este hipercriticismo esquece que se trata de dous relatos da mesma fonte autobiográfica, entre os que non se ven diferenzas de estilo que fagan pensar en dúas mans. Ademais, o relato de **37**, 11ss quizais sexa un pretexto para o abandono do seu posto profético (cf **20**, 7.9), e a situación das acusacións de traizón por desmoralizar ao pobo (**38**, 2-4) están abondo reflectidas en **20**, 8.10, pois soamente unha fortísima experiencia do seu compromiso profético explica as palabras de desánimo e traizón que infunde aos soldados que pasan ao seu lado no patio da garda. Nótese o paralelismo destas dúas escenas con feitos acontecidos en Xetsemaní, entre Xesús e as autoridades nos xuízos civil e relixioso.

**38**, 2 Nótese o paralelismo de respiración ("néfex") e vida ("hai"). Por iso o sufixo vale para os dous termos.

**38**, 4 Ánimos: lit. "mans", "forzas", "ganas de loitar", referidas a todo o exército: pois o profeta non ten acceso ao pobo en xeral, senón aos soldados cos que vive.

[10]Entón o rei deulle esta orde a Ébed-Mélec, o etíope: –Colle ás túas ordes tres homes destes, e sube da cisterna ao profeta Xeremías, antes de que morra.

[11]Ébed-Mélec colleu ás súas ordes os homes e entrou no palacio real, onde estaba o tesouro, e colleu alí farrapos de estopa e de sacos, e con cordas botoullos na cisterna a Xeremías. [12]E díxolle Ébed-Mélec, o etíope, a Xeremías: –Pon os farrapos de estopa e de sacos nos sobacos por debaixo das cordas.

Xeremías fíxoo así. [13]Tiraron de Xeremías coas cordas e subírono da cisterna; e Xeremías seguiu vivindo no patio da garda.

## TRIUNFO DO PROFETA

### Derradeira consulta de Sedecías a Xeremías en segredo

[14]O rei Sedecías mandou buscar a Xeremías, o profeta, á terceira entrada do templo do Señor. Díxolle o rei a Xeremías: –Eu quero preguntarche unha cousa: non me escondas nada.

[15]Xeremías repúxolle a Sedecías: –Se cha digo, vasme matar; se che dou un consello, non me vas escoitar.

[16]O rei Sedecías xuroulle en segredo a Xeremías deste xeito: –Vive o Señor que está a chegar, e que nos dá a vida que temos, que non te deixarei matar nin te entregarei nas mans destes homes que buscan acabar coa túa vida!

[17]Entón Xeremías díxolle a Sedecías: –Así fala o Señor, Deus dos Exércitos, Deus de Israel: Se te rendes aos xenerais do rei de Babilonia, salvarás a túa vida, e esta cidade non será queimada; vivirás ti e mais a túa familia. [18]Pero se non te rendes aos xenerais do rei de Babilonia, entregarei esta cidade nas mans dos caldeos, que lle prenderán lume, e ti non fuxirás das súas mans.

[19]O rei Sedecías, repúxolle a Xeremías: –Téñolles medo aos xudeus que se pasaron aos caldeos; poida que os caldeos me entreguen no seu poder e se burlen de min.

[20]Respondeulle Xeremías: –Non te entregarán; faille caso á voz do Señor, á sorte que eu che comunico, e irache ben e conservarás a túa vida. [21]Pero se non queres ti saír, esta é a escena que me mostrou o Señor: [22]Velaquí: as mulleres que queden no palacio real de Xudá serán entregadas aos xenerais do rei de Babilonia e isto é o que cantarán:

Enganáronte e puideron contigo
os amigos da túa intimidade;
enterráronche os pés na lama
e volvéronse atrás.

[23]Entregaranlles aos caldeos todas as túas mulleres e os teus fillos, e ti non fuxirás das súas mans, senón que serás apresado polo rei de Babilonia, que lle prenderá lume a esta cidade.

[24]Entón Sedecías díxolle a Xeremías: –Que ninguén saiba esta conversa e ti non morrerás. [25]E se saben as autoridades que falei contigo, e se logo van onda ti e che din: "Cóntanos o que lle dixeches ao rei, non nolo ocultes, que non te mataremos: que lle dixeches ao rei?", [26]ti haslles dicir: "Estívenlle presentando ao rei a miña petición para que non me levasen á casa de Ionatán a morrer alí".

[27]En efecto, todas as autoridades viñeron xunto a Xeremías e preguntáronlle; pero el contestoulles en todo conforme estas instrucións que lle dera o rei. E eles quedaron mudos diante del, pois a conversa non se soubo. [28]Desde entón Xeremías viviu no patio da garda ata que foi tomada Xerusalén.

**38**, 14-28a Este relato constitúe a glorificación ou exaltación do profeta, pois a escena ten lugar no templo, onde lle estaba prohibido ir, e onde o levan a entrevistarse co rei (v. 14). O rei xúralle en secreto e recoñece a autenticidade da mensaxe profética (v. 16). No v. 26 o mesmo rei móstralle o xeito de seguir con vida, e os seus inimigos non saben que facer (v. 27). Os vv. 17-18 presentan un oráculo en forma de consello sapiencial (cf v. 15b), no que se anuncian as consecuencias da actitude que se asuma. O diálogo dos vv. 19-23 ten a finalidade de animar ao rei a tomar a decisión favorable para a cidade e para si mesmo, acabando cunha visión dramática das desgrazas que virán se o rei non se rende.

**38**, 16 *Que está a chegar*: esta expresión falta en moitos manuscritos e versións, e os mesmos masoretas deixaron o termo sen sinais vocálicos. Non obstante, débese conservar esa expresión por ser a lectura máis rara e porque, doutro lado, resulta un título de Iavé, manifestación da fe máis tradicional hebrea no Deus que intervén na historia, coincidindo en paralelismo coa oración relativa que segue. O rei recoñece nos acontecementos a intervención de Deus, que o profeta vén anunciando; pero non será capaz de seguir a senda que Deus lle quere dar á historia.

**38**, 28b-**39**, 18 Esta sección forma un conxunto centrado no tema do triunfo do profeta, pois en **39**, 1-19 vemos cumprida a súa palabra profética sobre a cidade e sobre Sedecías, quedando probada, deste xeito, a súa autenticidade profética. Na sección **39**, 10-14 o mesmo rei Nabucodonosor dá ordes favorables ao profeta, que queda en liberdade, despois de sacalo do patio da garda e de recomendalo os mesmos babilonios ao gobernador Guedalías. A intención de exaltación do profeta está moi subliñada respecto ao texto semellante de **40**, 1-6. Os vv. 15-18 están fóra de contexto, pois refírense ao agradecemento do profeta ao eunuco que o librou do pozo (cf **38**, 1-13). Con todo, o desprazamento do texto non pode ter

### Cumprimento da palabra do profeta: cae Xerusalén

**39** [1]No ano noveno de Sedecías, rei de Xudá, no mes décimo, veu Nabucodonosor, rei de Babilonia, e todos os seus exércitos a Xerusalén, e rodeárona. [2]No ano undécimo de Sedecías, no mes cuarto, o nove do mes, abriron brecha na cidade. [3]Todos os xenerais do rei de Babilonia entraron nela, e sentáronse na porta central: Nergal, príncipe de Éser, Samgar-Nebú, príncipe de Sequim, gran xefe de eunucos e todo o resto dos xenerais do rei de Babilonia. [4]E sucedeu que cando os viron Sedecías, rei de Xudá e todos os homes de guerra, fuxiron a correr da cidade de noite, a través do xardín do rei, pola porta entre os dous muros, e saíron camiño da Arabah. [5]Pero os exércitos dos caldeos perseguíronos e déronlle alcance a Sedecías nas chairas de Iericó; collérono e levárono a Riblah, na rexión de Hamat onda Nabucodonosor, rei de Babilonia, quen ditou sentenza contra el. [6]O rei de Babilonia fixo matar a todos os fillos de Sedecías na súa presenza, en Riblah; e a todos os nobres de Xudá tamén os fixo morrer o rei de Babilonia. [7]Tamén cegou os ollos de Sedecías e atouno con dúas cadeas de bronce para levalo a Babilonia. [8]Os caldeos prendéronlle lume ao palacio real e ás casas do pobo, e botaron abaixo as murallas de Xerusalén [9]e ao resto do pobo que quedaba na cidade, e aos desertores que se pasaran a Nabucodonosor e a todos os restantes, levounos cativos a Babilonia Nebuzardán, xefe da garda persoal. [10]Pero aos pobres de entre o pobo, que non tiñan nada, deixounos quedar Nebuzardán, xefe da garda persoal, no país de Xudá, e entregoulles aquel día as viñas e os campos.

### Especial consideración de Nabucodonosor co profeta

[11]Nabucodonosor, rei de Babilonia, deulle estas ordes a Nebuzardán, xefe da garda persoal, acerca de Xeremías: [12]–Cólleo ao teu cargo e mira por el; non lle fagas nada malo: máis ben cúmprelle o que che pida.

[13]Nebuzardán, xefe da garda persoal, Sangar-Nebú, xefe dos eunucos, Nergal, príncipe de Éser e alto oficial, e todos os xefes do rei de Babilonia [14]mandaron buscar a Xeremías ao patio da garda e entregáronllo a Guedalías, fillo de Ahicam, fillo de Xafán, para que o deixase ir á súa casa e vivir entre o pobo.

### Oráculo salvífico de agradecemento para Ébed-Mélec

[15]Cando estaba preso Xeremías no patio da garda veulle a palabra do Señor nestes termos: [16]–Vai, e dille isto a Ébed-Mélec, o etíope: Así fala o Señor dos Exércitos, Deus de Israel: Eu vou traer as miñas palabras a esta cidade, para mal e non para ben: o día aquel cumpriranse na túa presenza. [17]Mais a ti salvareite no día aquel –é o Señor quen fala–, non serás entregado ao poder dos homes aos que lles tes medo; [18]seguro que te salvarei e non caerás a espada, e a túa vida será o teu botín, pois confiaches en min –é o Señor quen fala.

### Xeremías decide quedar co pobo

**40** [1]Palabra que de parte do Señor lle veu a Xeremías, despois que Nebuzardán, xefe da garda persoal, o mandou desde Ramah, cando o colleu ao seu cargo, pois el estaba preso con cadeas entre todos os cativos de Xerusalén e de Xudá, que eran levados cativos a Babilonia.

[2]O xefe da garda persoal colleu a Xeremías ao seu cargo e díxolle: –O Señor, o teu Deus, anunciou este desastre contra este lugar; [3]o Señor fíxoo vir e realizouno tal como el predixera; fostes vós os que pecastes contra o Señor e non fixestes caso da súa voz, e por iso sucédenvos estas cousas. [4]E agora, eu solto hoxe as cadeas que tes nas túas mans. Se prefires vir comigo a Babilonia, ven, que

outro sentido ca o do argumento "a fortiori": se a quen auxiliou ao profeta, Deus o bendí coa vida, moito máis a quen expuxo tantas veces a súa vida e tanto sufriu, Deus ten que bendicilo co triunfo. Por outra banda, en **40**, 1ss aparece o profeta vinculado ao seu pobo, encadeado cos que van a Babilonia (v. 1) e despois de darlle liberdade de movementos, o profeta prefire quedar co pobo (vv. 5-6), de xeito que a glorificación do profeta acaba en **39**, 18.

**39**, 1-2 Estes vv. son redaccionais, e interrompen o sentido lóxico da frase de **38**, 28b + **39**, 3. A función desta glosa é a de facernos seguir a historia.

O mes décimo do ano noveno de Sedecías era decembro do ano 589, ou xaneiro do 588.

O mes cuarto do ano undécimo era xuño ou xullo do 587.

**39**, 3 *Sequim* aparece en textos ugaríticos como termo referido a un tipo de vestidos ou teas: quizais haxa que pensar nunha localidade ou rexión mesopotámica, famosa polas teas, e que lle dá nome ás mesmas.

*Gran xefe*: o hebreo emprega as mesmas palabras ca o acádico; e en acádico é un título dun funcionario ou oficial do exército.

**39**, 10-14 As diferenzas con **40**, 1-6 non din nada contra a historicidade dos dous textos, pois nestes vv. déixano en liberdade, pero puido ser collido polas tropas babilónicas en Anatot ou noutro sitio, e, por ser home importante, ser encadeado cos cativos.

**39**, 16 A destrución de Xerusalén é literalmente o elemento de contraste do oráculo salvífico.

**40**, 1-6 Cf notas a **38**, 28b-**39**, 18 e **39**, 10-14.

eu mirarei por ti; se non queres vir comigo á
grande Babilonia, velaí todo o país diante de
ti: vai onde che pareza que é mellor e máis
xusto que vaias. 5Se o noso xeito de vida non
che gusta, vólvete xunto a Guedalías, fillo de
Ahicam, fillo de Xafán, a quen o rei de Ba-
bilonia constituíu gobernador das cidades de
Xudá, e vive con el entre o pobo; ou a onde
che pareza máis xusto ir, vaite.

E logo de darlle o xefe da garda persoal
provisións para o camiño e regalos, despe-
diuse del. 6E Xeremías foi onda Guedalías,
fillo de Ahicam, a Mispah, e residiu xunto
con el entre o pobo que quedara no país.

### Reorganización da comunidade xudía

7Cando souberon todos os capitáns das tro-
pas que había no campo xunto cos seus ho-
mes que o rei de Babilonia constituíra gober-
nador do país a Guedalías, fillo de Ahicam,
e que lle confiara o goberno dos homes, das
mulleres, dos meniños e dos máis pobres do
país que non foran levados cativos a Babilo-
nia, 8foron onda Guedalías a Mispah: Ismael,
fillo de Netanías, Iohanán e Ionatán, fillos de
Caréah; Sedacías, fillo de Tanhúmet, os fillos
de Ofai o netofaíta, Iezanías, fillo de Maca-
teo, todos eles e mais os seus homes.

9Entón Guedalías, fillo de Ahicam, fillo
de Xafán, xuroulles a eles e aos seus homes
nestes termos: –Non teñades medo de vos
someterdes aos caldeos; vivide neste país
someténdovos ao rei de Babilonia, para que
vos vaia ben. 10Pois eu, velaquí que teño que
vivir en Mispah, para representar o país ante
os caldeos que veñan visitarnos; pero vós
recollede viño e trigo, e poñédeo nas vosas
olas; vivide nas cidades que escollestes.

11Todos os xudeus que estaban en Moab
entre os amonitas, en Edom e en todos os paí-
ses, tamén souberon que o rei de Babilonia
lle deixara un resto a Xudá, e de que consti-
tuíra gobernador deste resto a Guedalías, fillo
de Ahicam, fillo de Xafán. 12Todos os xudeus
volveron desde os sitios a onde fuxiran, e
viñeron ao país de Xudá, onda Guedalías, a
Mispah, e colectaron viño e trigo en moita
cantidade.

### Atentado de Ismael contra Guedalías

13Iohanán, fillo de Caréah, e todos os xefes
das tropas que había no campo, viñeron onda
Guedalías en Mispah, 14e dixéronlle: –Acaso
ti non sabes que o rei dos amonitas, Balís,
mandou a Ismael, fillo do Netanías a que te
matase?

Pero Guedalías, fillo de Ahicam, non lles
deu creto. 15Entón Iohanán, fillo de Caréah,
díxolle en segredo a Guedalías en Mispah:
–Déixame ir, que eu matarei a Ismael, fillo
de Netanías; ninguén o saberá. Por que vai
matarte e dispersarse todo Xudá, que se xun-
tou ao teu lado, e por que vai perecer o resto
de Xudá?

16Guedalías, fillo de Ahicam, respondeulle
a Iohanán, fillo de Caréah: –Non fagas iso. O
que ti me contas de Ismael é mentira.

### Ismael asasina a Guedalías

**41** 1No sétimo mes, Ismael, fillo de Ne-
tanías, fillo de Elixamá, de raza rexia
e un dos xefes do rei, veu con dez homes
onda Guedalías, fillo de Ahicam, a Mispah;
e, mentres comían xuntos en Mispah, 2le-
vantáronse Ismael, fillo de Netanías, e os
dez homes que estaban con el, e golpearon
coa espada a Guedalías, fillo de Ahicam, fi-
llo de Xafán, e déronlle morte a quen o rei
de Babilonia constituíra gobernador do país.
3E a todos os xudeus que estaban con el, con
Guedalías, en Mispah, e a todos os caldeos
que se atopaban alí, os homes de guerra, ta-
mén os matou Ismael. 4Dous días despois de
matar a Guedalías, aínda ninguén sabía nada,
5e uns homes de Xequem, de Xiloh e de Sa-
maria, uns oitenta, cada un coa barba rapada,

**40**, 5 Guedalías é neto de Xafán, o vello amigo de Xeremías; e toda esta familia estivo sempre moi vinculada co profeta (cf **26**, 24s).

**40**, 7-12 O relato, da man de Baruc, narra a reorganización da comunidade (cf v. 15), en Mispah, a uns 13 km ao norte de Xerusalén. Mispah fora santuario importante na época dos Xuíces (Xuí **21**, 1; 1 Sam **7**, 5; **10**, 17). Este goberno, non monárquico nin davídico, supón un sinal de esperanza para os fuxidos, e vese bendito por unha relativa prosperidade.

**40**, 13-16 Nestes vv. sublíñase a figura confiada e pacificadora de Guedalías, quen non quere máis violencia e se fía das boas formas. Os plans magnicidas de Ismael, descendente de David (cf **41**, 1), obedecen a instigacións e apoios dos moabitas aínda non sometidos aos caldeos, e a certas pretensións persoais. Non obstante, o texto subliña a lexitimidade do goberno de Guedalías, pois a súa inspiración de submisión a Babilonia é conforme co plan de Deus comunicado polo profeta.

**41**, 1-9 Estes dous textos resaltan a actitude criminal, avarenta e traidora do pretendente davídico. O segundo relato (vv. 4-9) refire a oposición do usurpador aos movementos proféticos, pois os oitenta homes son profetas extáticos que veñen ofrecer sacrificios ao solar do templo de Xerusalén, onde nunca se deixou de ofrecer o culto a Iavé.

**41**, 1 O aniversario desta data celebrábase con lamentación e xaxún (cf Zac **7**, 5; **8**, 19). A data responde a setembro do 585..., pois xa houbo colleitas boas.

**41**, 2 O número *dez* ten valor simbólico: moitos, os principais, pois o resto que queda nin fai resistencia.

**41**, 5-7 *Incisións rituais*: propias dos profetas extáticos.

cos seus vestidos rachados, e con incisións rituais, viñan traendo ofrendas e incenso nas súas mans para o templo do Señor. 6Ismael, fillo de Netanías, saíu de Mispah ao seu encontro, chorando mentres camiñaba. Cando se xuntou con eles, díxolles: –Vide onda Guedalías, fillo de Ahicam.

7Cando chegaron ao centro da cidade, Ismael, fillo de Netanías, fíxoos espertar da éxtase e botounos ao fondo do pozo, axudado polos homes que estaban con el. 8Pero dez homes, que se atopaban entre eles, dixéronlle a Ismael: –Non nos mates, pois temos riquezas escondidas no campo: trigo, cebada, aceite e mel.

E el deixounos, e non os matou coma a seus irmáns. 9O pozo onde Ismael botou todos os cadáveres dos homes que matou con Guedalías foi o pozo que fixo o rei Asá por medo a Baxá, rei de Israel. Ismael, fillo de Netanías, encheuno de cadáveres.

### Iohanán libera aos cativos de Mispah

10Ismael levou cativos a todo o resto do pobo que estaba en Mispah, ás princesas e a todo o pobo que alí quedaba, e que Nebuzardán, xefe da garda persoal, confiara ao goberno de Guedalías, fillo de Ahicam. Ismael, fillo de Netanías, levounos cativos e marchou coa idea de pasarse aos amonitas. 11Cando Iohanán, fillo de Caréah, e todos os capitáns das tropas que estaban con el, oíron todo o mal que fixera Ismael, fillo de Netanías, 12colleron a todos os homes e foron loitar contra Ismael, fillo de Netanías, e alcanzárono xunto á gran lagoa que hai en Gabaón. 13Así que todo o pobo que estaba con Ismael viu a Iohanán, fillo de Caréah, e a todos os capitáns das tropas que estaban con el, encheuse de alegría. 14E todo o pobo que Ismael levaba cativo desde Mispah deu media volta, e, cambiando de dirección, pasouse a Iohanán, fillo de Caréah. 15Ismael, fillo de Netanías, escapou con oito homes do alcance de Iohanán, e foise xunto aos amonitas. 16Entón Iohanán, fillo de Caréah, e todos os capitáns das tropas que estaban con el, recolleron a todo o resto do pobo, oriúndo de Mispah, que trouxeran de xunto a Ismael, fillo de Netanías, despois que este matara a Guedalías, fillo de Ahicam: homes valentes, homes de guerra, mulleres, meniños e eunucos, foi o que trouxeron de Gabaón; 17puxéronse ao camiño e pararon nun refuxio de perseguidos que hai ao lado de Belén, para logo continuar o camiño e penetrar en Exipto, 18lonxe da presenza dos caldeos, pois tíñanlles medo, xa que Ismael, fillo de Netanías, matara a Guedalías, fillo de Ahicam, a quen o rei de Babilonia constituíra gobernador do país.

### Súplica da xente a Xeremías

**42** 1Entón todos os xenerais das tropas, en especial Iohanán, fillo de Caréah, e Lezanías, fillo de Hoxaías, e todo o pobo desde o máis pequeno ata o máis grande, achegáronse 2a Xeremías, o profeta, para lle dicir: –Que a nosa súplica sexa ben recibida por ti; reza por nós ao Señor, o teu Deus, por este resto, pois de moitos quedamos uns poucos, como os teus ollos están a ver. 3Que o Señor, o teu Deus, nos mostre o camiño que temos que seguir, e as cousas que debemos facer.

4Entón Xeremías, o profeta, repúxolles: –De acordo. Vou interceder ante o Señor, o voso Deus, de acordo coas vosas súplicas, e todo canto o Señor vos responda, héivolo comunicar; non vos gardarei nada oculto.

5E eles dixéronlle a Xeremías: –Que o Señor sirva de testemuña verdadeira e fiel contra nós, se non obramos conforme a todas as palabras que o Señor, o teu Deus, che comunique a ti para nós: 6Sexa favorable ou desfavorable, farémoslle caso á voz do Señor, noso Deus, o digno de confianza a quen nós te mandamos, para que a sorte nos sexa boa. De certo, farémoslle caso á voz do Señor, o noso Deus.

### Oráculos de resposta profética

7E ao cabo de dez días veulle a palabra do Señor a Xeremías, 8quen chamou a Io-

**41**, 12 Lagoa de Gabaón: cf 2 Sam **2**, 13, a uns 10 km ao NL de Xerusalén.

**41**, 17 *Refuxio de perseguidos*: a orixe do nome refírese a costumes cananeos, pois non se coñece no A. T. tal lugar como cidade refuxio.

**42**, 1-**43**, 7 Todo este bloque forma unha unidade redaccional e de contido, estruturada en diferentes unidades máis pequenas; na súa organización quérese expresar como a verdadeira oración (vv. 1-6) ha de levar consigo unha actitude de apertura á revelación divina comunicada polo profeta (vv. 7-22), sen a actitude de desprezo e crítica negativa do medio da revelación (**43**, 1-7).

**42**, 2 O profeta non só é o home da revelación, senón o mediador da oración do pobo, que recibirá a revelación como resposta á súa oración.

**42**, 7-22 Esta sección preséntanos unha serie de oráculos: a) vv. 10-12: salvífico condicional; b) vv. 13-17: oráculo de xuízo de castigo, coa acusación de prescindir da revelación divina ao tomar as decisións (vv. 13-14), e anuncio do castigo (vv. 15-17); c) vv. 18-19: oráculos de castigo, suposta no pobo a decisión de marchar a Exipto. Os vv. 20-21 expresan a reacción persoal do profeta, que se sente burlado pola petición enganosa do pobo: por iso acaba cunhas palabras de maldición, recollidas nos vv. 16 e17.

hanán, fillo de Caréah e a todos os xenerais
das tropas que estaban con el e a todo o pobo
desde o máis pequeno ata o máis grande, 9e
díxolles: –Así fala o Señor, Deus de Israel, a
quen vós me mandastes presentarlle a vosa
súplica:
10Se volvedes habitar neste país,
eu construireivos e non vos destruirei,
plantareivos e non vos arrincarei.
Moito sinto o mal que vos fixen!
11Non lle teñades medo
ao rei de Babilonia,
a quen agora estades temendo;
non lle teñades medo
–é o Señor quen fala–:
vede: eu estou convosco
para salvarvos
e para librarvos da súa man.
12Infundireille misericordia
para con vós
e compadecerase de vós
e deixaravos habitar na vosa terra.
13Pero vós estades a dicir:
"Non viviremos neste país";
desobedecendo a voz do Señor,
o voso Deus.
14Isto é que dicides: "Resistamos,
pois iremos ao país de Exipto,
onde nin veremos a guerra,
nin escoitaremos a voz da trompeta,
nin pasaremos fame de pan
e onde viviremos".
15Por iso, escoitade agora
a palabra do Señor, resto de Xudá:
Así fala o Señor dos Exércitos,
o Deus de Israel:
Se vós vos empeñades en ir a Exipto,
e se ides para habitar alí,
16a espada da que vós tendes medo
estará alí,
alcanzaravos a vós no país de Exipto;
e a fame, que tanto medo vos dá,
perseguiravos deica Exipto,
e morreredes alí.
17Alí estarán todos os homes
que decidiron marchar a Exipto
para viviren alí;
morrerán pola espada, de fame e de peste,
e non quedará deles sobrevivente,
nin escapado da presenza do desastre
que eu mandarei contra eles.
18Así fala o Señor dos Exércitos,
o Deus de Israel:
O mesmo que a miña ira
e o meu furor se verteron
sobre os habitantes de Xerusalén,
así tamén se verterá a miña ira sobre vós,
cando entredes en Exipto;
serviredes de fórmula de imprecación
e de exemplo de desolación,
de maldición e de inxuria,
e non volveredes ver este lugar.
19O Señor divos a vós, resto de Xudá:
Non vaiades a Exipto.
Que vos quede ben sabido,
que eu me converto hoxe
en testemuña contra vós.
20Certamente fun enganado por vós mes-
mos, pois mandástesme onda o Señor, o voso
Deus, dicindo: "Intercede por nós ante o Se-
ñor, o noso Deus, e todo canto o Señor o noso
Deus che diga, móstranolo, que o faremos".
21Mostréivolo hoxe, pero vós non lle facedes
caso nin á voz do Señor, o voso Deus, nin a
todo o que el mandou dicirvos. 22Pois agora
tende ben sabido que morreredes pola espa-
da, de fame e de peste no lugar a onde qui-
xestes ir vivir.

### En contra dos oráculos, marchan cara a Exipto

**43** 1Cando Xeremías acabou de anunciar
ao pobo enteiro todas as palabras do
Señor, o seu Deus, porque o Señor o seu
Deus o mandara xunto deles con todas as de-
vanditas palabras, 2Azarías, fillo de Hoxaías,
e Iohanán, fillo de Caréah e todos os homes
soberbios tomaron a palabra para lle dicir a
Xeremías: –Ti estasnos comunicando men-
tiras. O Señor o noso Deus non mandou que
digas: "Non entredes a Exipto para vivirdes
alí", 3senón que Baruc, fillo de Nerías, está
a incitarte contra nós, a fin de que ti nos en-
tregues ao poder dos caldeos, para que nos
maten ou nos deporten a Babilonia.
4E deste xeito nin Iohanán, fillo de Caréah,
nin ningún dos xenerais da tropa, nin nin-
guén do pobo lle fixo caso á orde do Señor
de continuar vivindo no país de Xudá; 5senón
que Iohanán, fillo de Caréah e todos os xe-
nerais da tropa, puxéronse á fronte de todo o

**42**, 13-14 Estes dous vv. recollen palabras literais do pobo, que son a negación da apertura á aceptación da vontade de Deus (dos vv. 3-6) e da confianza que deberían poñer nel.
**42**, 20 *Vós mesmos*: lit. "polos vosos néfex": pretensións ou manifestacións persoais (vv. 3-6).
**43**, 1 *Devanditas palabras*: refírese aos oráculos de **42**, 7-19.
**43**, 6 O profeta, aínda que se opón á ida a Exipto, segue co seu pobo baixo as autoridades soberbias rebeldes á vontade de Deus (v. 2), pois a súa misión cúmprese entre o pobo.

resto de Xudá que volvera a vivir no país de Xudá de entre todos os pobos a onde se dispersara: [6]os homes e as mulleres, os meniños e as princesas e todos cantos Nebuzardán, xefe da garda persoal, confiara ao coidado de Guedalías, fillo de Ahicam, fillo de Xafán, e tamén o profeta Xeremías e Baruc, fillo de Nerías; [7]e marcharon ao país de Exipto, pois non lle fixeron caso á voz do Señor, senón que chegaron ata Tafnes.

**Acción simbólica e oráculo: Nabucodonosor invadirá Exipto**

[8]En Tafnes veulle a palabra do Señor a Xeremías nestes termos:

[9]–Na presenza dalgúns xudeus colle coas túas mans unhas pedras grandes e entérraas no barro que hai na telleira que se atopa en Tafnes á entrada do palacio do faraón, [10]e dilles: "Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Vou mandar buscar a Nabucodonosor, rei de Babilonia, o meu servo, e poñerei o seu trono enriba destas pedras que enterrei, e el estenderá sobre elas o seu baldaquino.
[11]Virá castigar o país de Exipto;
a quen ten o destino para a morte,
coa morte;
a quen ten o destino para o desterro,
co desterro;
a quen ten o destino para a espada,
coa espada.
Poñeralles lume aos templos
dos deuses de Exipto,
[12]queimará os deuses ou levaraos cativos,
espiollará o país de Exipto,
como un pastor espiolla o seu manto,
e sairá de alí en paz.
[13]Esnaquizará os obeliscos
do templo do Sol, que hai en Exipto,
e prenderalles lume
aos templos dos deuses de Exipto.

**Oráculo contra a idolatría dos xudeus en Exipto**

**44** [1]Esta é a palabra que lle veu a Xeremías para todos os xudeus que vivían no país de Exipto, en Migdol, en Tafnes, en Nof, e no país de Patros: [2]–Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Vós ollastes toda a desgraza que trouxen sobre Xerusalén e sobre todas as cidades de Xudá. Védeas aí hoxe: unha desolación e sen un habitante nelas.

[3]Por causa da maldade que cometeron, anoxándome a min, ao ir queimar incenso e dar culto a deuses alleos, aos que nin eles nin vós nin vosos pais coñeciades. [4]Por isto eu, ben cedo e decote mandeivos os meus servos os profetas dicirvos: "Por favor, non cometades estas abominacións que eu detesto". [5]Pero nin fixeron caso nin prestaron atención para se arrepentiren da súa maldade deixando de queimar incenso a deuses alleos. [6]Por isto a miña ira e mais a miña carraxe vertéronse e abrasaron as cidades de Xudá e as rúas de Xerusalén, que se volveron unha morea de ruínas e unha desolación, tal como hoxe están.

[7]Pois agora, –así fala o Señor–, Deus dos Exércitos, Deus de Israel: Por que seguides facendo tan grande mal para vós mesmos, exterminando do medio de Xudá a homes e mulleres, a meniños e nenos de peito, para a vosa desgraza, de xeito que non vos quede nin resto? [8]Moito me anoxan as obras das vosas mans, ao queimardes incenso a deuses alleos no país de Exipto, a onde viñestes vi-

**43**, 7 *Tafnes*: cf nota a **2**, 16.
**43**, 8-13 A acción simbólica fronte ao palacio do faraón (en Tafnes, sé do goberno, aínda que non capital do reino), significa a invasión e o dominio caldeo sobre Exipto. O feito simbólico de enterrar as pedras no barro significa a dureza da tal invasión e dominio. No oráculo explicativo (vv. 10-13) da acción simbólica, a invasión de Exipto convértese nun feito divino de castigo purificador da idolatría exipcia.
**43**, 11 Cf paralelo en **15**, 2.
**43**, 13 *Templo do Sol*: traducimos así por paralelismo coa frase que segue. O texto refírese á cidade de Heliópolis, próxima ao Cairo. O seu nome coma o hebreo Bet-Xémex significa "casa do Sol", ou "templo do Sol".
**44**, 1-30 Este capítulo contén un longo discurso (vv. 1-14), composto na forma e no esquema dun oráculo de xuízo de castigo. A finalidade do discurso é arredar ao pobo do culto idolátrico: por isto a acusación dos vv. 7-10 recálcase con interrogantes que queren ser unha chamada á reflexión e ao escarmento nos feitos recentes da caída de Xerusalén. Este tema do escarmento coa sorte de Xerusalén ocupa todos os elementos do discurso: a introdución á acusación (vv. 2-6), a mesma acusación (vv. 7-10; cf v 7b. 9), e o anuncio de castigo (v. 13). A resposta do pobo (vv. 15-19) é unha referencia á historia do mesmo durante o reino de Menaxés (687-642), momento de paz e prosperidade e ao mesmo tempo de culto idolátrico (2 Re **21**, 1-18). Con Ioxías, en troques, prohibíronse estes cultos pagáns, e a cousa acabou mal coa derrota de Meguido (609), e desde entón as cousas foron de mal en peor. Na primeira resposta (vv. 21-23) o profeta retorce o argumento do pobo, pois os fillos continuaron os costumes dos pais e a caída de Xerusalén foi provocada polas idolatrías de todos eles (vós, vosos pais...). A segunda resposta (vv 24-29) denuncia a vontade decidida do pobo de seguir coa idolatría, e anúncialles un castigo irreparable. O v. 30 é literariamente un oráculo de castigo contra o faraón Hofrá, pero no conxunto dos textos é a tipificación do anuncio de castigo (vv. 24-29), que serve de segunda resposta.
**44**, 1 Había neste momento colonias xudías en lugares ben espallados: *Tafnes* (cf nota a **2**, 16); *Migdol*, cf nota a **46**, 14; *Nof* = Menfis, entón a capital, preto do actual O Cairo; *Patrós*, no Alto Exipto.

vir, acabando así convosco e converténdovos nunha fórmula de maldición e inxuria para todas as nacións da terra! [9]Xa esquecestes as maldades dos vosos pais, as maldades dos reis de Xudá, as maldades dos príncipes de Xudá, as vosas maldades e as maldades das vosas mulleres: maldades cometidas no país de Xudá e nas rúas de Xerusalén, [10]Ata o día de hoxe non sentiron arrepentimento nin respecto, nin se comportaron conforme as miñas leis nin os preceptos que eu promulguei na vosa presenza e na dos vosos devanceiros. [11]Por iso, así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Eu estou volvendo a miña cara irada contra vós para mal, para exterminar a todo Xudá. [12]Collerei ao resto de Xudá, que se decidiu a ir residir no país de Exipto, e perecerán todos no país de Exipto; caerán pola espada e coa fame, perecerán desde o máis pequeno ao máis grande, pola espada e coa fame morrerán, e volveranse unha fórmula de imprecación, e unha desolación, unha maldición, unha vergonza. [13]Castigarei aos que viven no país de Exipto, o mesmo que castiguei a Xerusalén coa espada, coa fame e coa peste. [14]Non haberá sobrevivente nin escapado de entre o resto de Xudá que veu para residir no país de Exipto, e para logo volverse á terra de Xudá, onde eles desexan volver vivir. Mais non volverán, a non ser algúns fuxidos.

**Reacción do pobo polo discurso**

[15]Todos os homes que sabían que as súas mulleres ofrecían incenso aos deuses alleos, e todas as mulleres que estaban presentes, unha gran asemblea, e todo o pobo que vivía en Patrós, no país de Exipto, respondéronlle a Xeremías nestes termos: [16]–Non queremos volver escoitar de ti este oráculo que nos proclamaches no Nome do Señor. [17]É ben certo que faremos todo o que prometemos coa nosa boca: ofrecerlle incenso á Raíña do ceo, e verterlle libacións, como xa o fixemos nós e nosos pais, os nosos reis e as nosas autoridades, nas cidades de Xudá e nas rúas de Xerusalén, e entón fartabámonos de pan, estabamos felices e non viamos a desgraza. [18]Pero desde que deixamos de ofrecer incenso á Raíña do ceo e de lle verter libacións, faltounos todo e morremos pola espada e de fame. [19]Ben certo que nós lle ofrecemos incenso á Raíña do ceo e lle vertemos libacións. Acaso lle fixemos bicas para representala ou vertemos libacións no seu honor sen o consentimento dos nosos homes?

**Resposta do profeta ao pobo**

[20]Entón Xeremías díxolle a todo o pobo, aos homes e ás mulleres e a todos os que lle responderan deste xeito: [21]–Acaso das ofrendas de incenso, que nas cidades de Xudá e nas rúas de Xerusalén ofrecestes vós e vosos pais, os vosos reis e as vosas autoridades, e os vosos terratenentes, non se acordou o Señor e non lle viñeron á súa cabeza?

[22]O Señor xa non puido soportar a maldade dos vosos feitos, as abominacións que cometestes, e por isto o voso país volveuse unha morea de ruínas, algo que dá medo e que se maldí por falta de habitantes, tal como está hoxe. [23]Polo feito de que pecastes contra o Señor, ofrecendo incenso e non fixestes caso da voz do Señor e non vos comportastes conforme a súa lei, os seus preceptos e as súas prescricións, por isto aconteceuvos esta desgraza, tal coma hoxe.

[24]Entón Xeremías díxolle a todo o pobo e a todas as mulleres: –Escoitade a palabra do Señor, todos os xudeus que estades no país de Exipto: [25]Así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel: Vós e mais as vosas mulleres, o que falades coa vosa boca cumprídelo coas vosas mans, dicindo: "Certo que temos que cumprir as nosas promesas de ofrecer incenso á Raíña do ceo e de lle verter libacións". De seguro que manteredes as vosas promesas, de seguro que cumpriredes os vosos votos. [26]Por isto escoitade a palabra do Señor todos os xudeus que vivides no país de Exipto: Xuro polo meu gran nome –dío o Señor– que non volverá ser invocado o meu nome en todo o país de Exipto pola boca de ningún xudeu, dicindo: "Vive o meu Señor, Iavé". [27]Sabede que eu estou en vela sobre vós para facervos mal e non ben.

Todos os xudeus que están no país de Exipto perecerán pola espada e de fame ata o seu exterminio. [28]Os escapados da espada, poucos en número, volveranse do país de Exipto ao país de Xudá e entón saberá todo o resto de Xudá que veu habitar no país de Exipto, se a palabra que se cumpre é a miña ou a deles. [29]Tende para vós este sinal –é o Señor quen fala– que eu vos hei castigar neste lugar, para que saibades de verdade que

**44**, 14 As últimas palabras faltan na versión dos LXX e teñen todas as características dunha glosa posterior.
**44**, 19 *A Raíña do Ceo* é a Axerah ou Axtarté babilónica; o seu culto estivo sempre en vixencia no Medio Oriente antigo, de onde pasou a Grecia (culto a Afrodita), e a Roma (culto a Venus).

as miñas palabras contra vós se han cumprir para mal. [30]Así fala o Señor: Eu entrego o faraón Hofrá, rei de Exipto, no poder dos seus inimigos, no poder dos que buscan acabar coa súa vida, o mesmo que entreguei a Sedecías, rei de Xudá, no poder de Nabucodonosor, rei de Babilonia, o seu inimigo, que buscaba acabar coa súa vida.

**Oráculo salvífico para Baruc**

**45** [1]Este é o oráculo que lle dirixiu o profeta Xeremías a Baruc fillo de Nerías, cando, no ano cuarto de Ioaquim, rei de Xudá, Baruc escribía estes oráculos nun rolo ao ditado de Xeremías: [2]–Isto diche o Señor, Deus de Israel, a ti, Baruc: [3]Ti dis: "Ai de min! O Señor engade aflicións á miña dor; estou canso de tanto chorar, e non atopo acougo". [4]Respóndelle deste xeito: Así fala o Señor: O que construín, vouno destruír eu, e o que plantei, vouno arrincar, (e tamén a todo este país). [5]Seica ti buscas grandes cousas para ti? Non as busques. Porque eu vou traer a desgraza sobre todas as criaturas –é o Señor quen fala–, pero a ti, como despoxo, dareiche o don da túa propia vida, en todos os lugares a onde vaias.

## ORÁCULOS ACERCA DAS NACIÓNS

**Escarnio pola desfeita exipcia en Kárkemix**

**46** [1]Circunstancia na que lle comezou a vir a Xeremías a palabra do Señor contra as nacións. [2]Sobre Exipto, contra as tropas do faraón Nekó, rei de Exipto, cando se atopaba xunto ao río Éufrates, en Kárkemix, cando o derrotou Nabucodonosor, rei de Babilonia, no ano cuarto de Ioaquim, fillo de Ioxías, rei de Xudá:

[3]Preparade os escudos e os petos,
marchade á guerra.
[4]Aparellade os cabalos,
montade os corceis.
Mantédevos na vosa posición cos cascos,
afiade as lanzas, vestide as coirazas.
[5]Que é o que estou a ollar?
Eles están cheos de pavor,
retíranse para atrás,
os máis valentes de entre eles
son tallados en anacos,
escapan ao refuxio, non volven a cara,
terror por todo o arredor
–oráculo do Señor–.
[6]O máis lixeiro non pode fuxir,
o máis valente non pode escapar
polo norte,
contra un brazo do río Éufrates
tropezan e caen.
[7]Quen é este que sobe coma o Nilo,
este con augas que medran
coma as dos ríos?
[8]É Exipto que sobe coma o Nilo,
coma ríos engordan as súas augas.
Dicía: "Subirei e alagarei o país,
destruirei a cidade e os seus habitantes".
[9]Subide, cabalos;
que saian os máis valentes:
os de Etiopía e os de Libia
que embrazan o escudo,
e os luditas que agarran e tensan o arco.
[10]O día aquel será, para o noso Señor,

**44**, 30 O cumprimento desta profecía realizouse no ano 568/7 co faraón Amasis, aínda que foi un ataque de submisión e castigo, máis que de conquista.

**45**, 1-5 Este texto, datado no ano 604, cando Baruc copiaba por segunda vez o rolo queimado por Ioaquim (cf **36**, 1ss), é como a sinatura, autenticada e confirmada polo oráculo divino da tarefa divulgadora do escribán coa obra de Xer. Deus garántelle a Baruc a conservación da súa vida, que xa non é pouco, no momento de calamidade no que lle tocou vivir.

**45**, 1 Baruc era de familia distinguida, pois era escribán, formado na escola sapiencial da corte de Xerusalén, onde un irmán seu chega a ocupar un cargo de importancia, no reino de Sedecías (cf **51**, 59). Pero a súa vocación persoal é a de discípulo e escribán do profeta.

**45**, 3 As aflicións que se engaden á súa dor son os novos oráculos de castigo de Xeremías que se suman ao primeiro rolo, e que lle veñen enriba da dor da súa persecución (cf **36**, 26).

**46**, 1-12 Despois dunha introdución redaccional de carácter histórico á sección de oráculos contra as nacións (Xer **46-51**), estes vv. constitúen un sarcasmo sobre a desfeita exipcia en Kárkemix (ano 605): tres series de imperativos (vv. 3-4. 9. 11) invitan ás tropas exipcias á resistencia, á loita e a buscar remedio para a desfeita. A estas invitacións, seguen: a) a descrición da derrota introducida como unha visión profética a distancia (vv. 5-6), que se desenvolve coa imaxe das augas da crecida do Nilo, que soben e destrúen (vv. 7-8); b) no corpo central (v. 10), a vinganza de Iavé contra Exipto por asasinar o piadoso rei Ioxías, amigo do profeta, catro anos antes (ano 609) e na que o profeta chega a considerar a desfeita exipcia coma un sacrificio litúrxico; c) a consideración da vergonza exipcia, xeneralizada entre as nacións (v. 12).

**46**, 1 *Circunstancia*. Lemos o hebreo aser = paso, lugar, sitio: pois a vocalización como relativo (axer) non ten sentido.

**46**, 7 As augas da crecida do Nilo teñen un sentido maléfico, propio do carácter mítico das augas provocadoras do caos e destrución (cf Ez **32**, 2ss).

**46**, 10 Este v. constitúe o centro teolóxico do conxunto, pois a caída de Exipto é vinganza de Iavé, e require un sacrificio de reparación no seu honor.

**46**, 9 Etiopía, Libia e os luditas eran pobos asociados a Exipto.

Deus dos Exércitos,
o día da vinganza
para se vingar dos seus inimigos.
A espada devora e fártase,
está borracha do seu sangue.
Que sacrificio para o noso Señor,
Deus dos Exércitos,
no país do Norte, xunto ao río Éufrates!
[11]Sube a Galaad a buscar bálsamo,
virxe, filla de Exipto:
en van multiplicas as curas,
non hai remedio posible para ti.
[12]As nacións saben da túa vergonza,
os teus berros enchen a terra:
Velaquí un valente,
tropeza contra outro valente,
e os dous caen xuntos.

[13]Esta é a palabra do Señor que lle veu ao profeta Xeremías, cando Nabucodonosor, rei de Babilonia, veu castigar ao país de Exipto:
[14]Comunicádeo en Exipto,
pregoádeo en Migdol,
pregoádeo en Menfis e en Tafnes,
dicide: En posición, firme, ti!,
que a espada devora ao teu arredor.
[15]Por que foxe Apis?
Por que o teu touro non se ten de pé?
Velaí o Señor que o empurrou,
[16]tropeza moito, caeu ruidosamente.
Cada un diralle ao seu compañeiro:
"En pé! Volvamos co noso pobo,
á terra da nosa orixe,
por causa da espada poderosa".
[17]Invocade o nome do faraón,
rei de Exipto:
ao seu poder xa lle pasou o momento.
[18]Pola miña vida –oráculo do Rei
que ten por nome Señor dos Exércitos–,
que así como o Tabor está
sobre as montañas,
e como o Carmelo está sobre o mar,
así virá.
[19]Axeita os teus útiles para a cativiade,
poboación filla de Exipto,
velaí Menfis que se volverá
unha desolación,
quedará devastada, sen habitantes.
[20]Como xovenca bonita
preséntase Exipto:
desde o norte velaí vén un tabán.
[21]Velaí os seus mercenarios
no medio dela:
son coma xatos de ceba.
Tamén eles lle volven a cara,
corren todos xuntos sen parar,
o día da desgraza vén sobre eles,
a hora do seu castigo.
[22]A súa voz é coma a da serpe
que asubía,
porque veñen con forza:
con machadas veñen contra el.
Coma os que cortan as árbores,
[23]cortan a súa foresta
–é o Señor quen fala–
aínda que é impenetrable;
multiplicáronse máis ca os saltóns,
non teñen número.
[24]A filla de Exipto está chea de vergonza,
entrégase ao poder do pobo do Norte.

### Castigo da falsa confianza e salvación para Israel

[25]O Señor dos Exércitos, Deus de Israel, di: Hei castigar ao deus Amón de Tebas, ao faraón e a Exipto, aos seus deuses e aos seus

**46**, 11 Bálsamo de Galaad: cf Xer **8**, 22; Xén **37**, 25. *Virxe* é a imaxe do pobo, presentada como moza ou muller. *Remedio*: lit. curación, cicatrización, carne que sobe.
**46**, 13-24 Este oráculo hai que datalo no 568/7, no reinado do faraón Amasis (cf Xer **43**, 10-13). Literariamente é un oráculo de castigo, cunha introdución (vv. 14-17) na que se escarnece a decisión exipcia de resistencia (v. 14) coa fraqueza dos seus ídolos: Apis (v. 15), o faraón (v. 17) e os seus mercenarios que foxen (v. 16). Con esta inutilidade da idolatría exipcia contrasta a solemne fórmula oracular de xuramento (v. 18), á que segue a presentación da invasión e conseguinte catividade (v. 19) e da fuxida ante os invasores (vv. 20-23), para acabar coa vergonzosa submisión ao pobo do norte, Babilonia.
**46**, 14 *Migdol* ao NL do Delta, preto de Tafnes (cf Éx **14**, 2; Núm **33**, 7).
*Ti*, en feminino, referido a Exipto, en figura de muller.
**46**, 15 *Apis* o Touro era unha divindade exipcia da fecundidade, especialmente venerada en Menfis. O nome Apis é grego; en hebreo e exipcio dise "Haf".
**46**, 16 "O que moito tropeza": é un epíteto do Touro-Apis, baseado na observación do xeito de camiñar do gando vacún.
*Diralle...:* refírese ás palabras de desánimo dos mercenarios de Exipto.
**46**, 17 *Invocade o nome*: fórmula característica da chamada de auxilio ao poder (= nome) dunha divindade.
**46**, 18 Nótese o contraste entre os títulos do faraón e os de Iavé, enfatizados polo xuramento.
**46**, 20 *Xovenca*, fai referencia ao Touro Apis (do v. 15), pero o sentido é sarcástico e anti-idolátrico.
**46**, 21 *Volven a cara*: ten o sentido de arredarse da propia tarefa.
**46**, 22 *A súa voz*: refírese a Exipto. Os que veñen son os invasores babilónicos.
**46**, 23 Os que se multiplican son os invasores.
**46**, 25-28 Estes textos sen datación deben situarse antes do ano 605, pois a desfeita exipcia (vv. 25-26) en Kárkemix supón o final do imperio asirio, e a esperanza da volta dos deportados do reino de Israel (vv. 27-28).

reis, ao faraón e aos que confían nel, [26]e entregareinos ao poder dos que buscan acabar
coa súa vida, ao poder de Nabucodonosor,
rei de Babilonia, e ao poder dos seus servidores. Despois disto, Exipto vivirá tranquilo, coma nos tempos pasados –é o Señor
quen fala–.
[27]Pero ti, meu servo, Xacob,
non teñas medo,
non te asustes, Israel,
pois eu voute salvar
traéndote dun país remoto,
e a túa descendencia
desde o país da súa cativedade.
Xacob volverá e vivirá tranquilo,
estará en paz e non haberá
quen o moleste.
[28]Ti, meu servo, Xacob,
non teñas medo
–é o Señor quen fala–,
mira: Eu estou contigo;
realizarei a destrución
entre todos os pobos,
a onde te dispersei,
pero a ti non te destruirei,
senón que te castigarei como é debido,
pois non te puiden declarar inocente.

### Oráculo contra os filisteos

**47** [1]Circunstancia na que a palabra do Señor lle veu ao profeta Xeremías acerca dos filisteos; foi antes de que o faraón castigara Gaza.
[2]Velaí que desde o Norte
están a subir augas
que se volven un río asolagador,
alagan a capital do país
e aos que a enchen,
a cidade e aos que nela habitan.
Gritan os homes e laméntase
todo o que vive na capital.
[3]Polo tropel dos cascos
dos seus cabalos,
polo retumbar dos carros,
polo rechiar das rodas.
Os pais xa non miran polos fillos,
polo cansazo dos seus brazos,
[4]ante o día que chega para acabar
con todos os filisteos,
para apartar de Tiro e de Sidón
a todos os fuxitivos que poden axudar.
Si, o Señor destrúe aos filisteos,
ao resto da illa de Creta.
[5]Chégalle a Gaza o día de rapar a cabeza,
o lamentarse chega para Axquelón.
Resto da chaira filistea,
por canto tempo aínda farás
incisións en ti mesma?
[6]Ai! A espada do Señor!
Xa nunca non estarás quieta?
Recóllete na vaíña,
descansa e para quieta.
[7]Como vas estar quieta,
se o Señor che mandou dominar?
A Axquelón e á beira do mar,
aí foi onde te destinou.

### Xuízo de castigo divino contra Moab

**48** [1]Acerca de Moab, así fala o Señor dos Exércitos, o Deus de Israel:
Ai do poder do Nebó! Está arrasado.
Ai da súa capital!

**46**, 26 *Coa súa vida* (heb. néfex = vida): desexos de prosperidade e grandeza, en contraste coa tranquilidade na que vivirá despois do castigo.
**46**, 27-28 Estes vv. repítense á letra en **30**, 10-11.
**47**, 1-7 A dificultade principal do texto está en conxugar o v. 1 (o faraón que castiga a Gaza) e o v. 2 (as augas alagadoras que soben do norte). Os autores supoñen que o invasor é o mesmo faraón Nekó, o que ataca a Gaza e a Axquelón, ao retirarse de Riblah despois da desfeita de Kárkemix no ano 605 e deste xeito entenden o texto de Heródoto **2**, 159 (vitorias de Magdolos ou Meguiddo e Coditis ou Gaza). Pero aínda non queda claro cal foi a intención do profeta con este oráculo no que non hai alusión a Xudá. Sen dúbida o texto é un oráculo de castigo para as cidades filisteas por non participaren na política de Ioxías de impedir a alianza de Exipto co esmorecente reino asirio, que, de ter éxito, botaría por terra a independencia de toda Palestina (Xudea e Filistea). Os vv. 2-4b describen a invasión desoladora: o v. 4 teoloxiza a invasión coma o día no que o Señor destrúe; o v. 5 describe as lamentacións dos filisteos; e os vv. 7-8 volven ao tema teolóxico.
**47**, 1 *Circunstancia na que*: cf nota a **46**, 1.
**47**, 2 As *augas...*: sentido mítico de desorde caótica, invasión (cf nota a **46**, 7).
**47**, 3 *Cansazo dos seus brazos*: lit. "das súas mans", como expresión de incapacidade.
**47**, 4 *O día que chega*: é o día do Señor Iavé, que destrúe aos filisteos (cf vv. 6.7).
**47**, 5 *Rapar a cabeza* e facerse *incisións* pertence ao ritual de lamentación colectiva por un desastre nacional. *Lamentarse*: lit. "chorar".
**48**, 1-47 Este texto non ten data, pero si un final no que se cualifica como un oráculo de xuízo de castigo ("mixpat"), executado por Nabucodonosor (v. 8) en data descoñecida. A caracterización do texto como xuízo de castigo, xustificase pola presenza de acusacións e anuncios de castigo nos vv. 7-12. 14-16 e 40-47. Con todo, no texto fan presenza elementos de lamentación (vv. 1-6); elementos de invitación á lamentación (vv. 17-20) e da descrición da amplitude do castigo (vv. 20-26); lamentación oracular do profeta e de Deus, e lamentación de Moab (vv. 31-39). Toda a sección forma un bloque, non obstante a fórmula oracular do v. 40, pois os tres "ai" do v. 1 recóllense en inclusión literaria no v. 46; e, ao anuncio da conversión de Moab da súa idolatría (v. 13), corresponde no v. 47 un oráculo de restauración.
**48**, 1 *Nebó* aquí é a cidade (Núm **32**, 38), e non o monte (cf Dt **32**, 49; **34**, 1).

Está arrasada e conquistada.
Ai da súa fortaleza, desolada e desfeita!
[2]Xa desapareceu o renome de Moab.
Desde Hexbón proxectaron
desgrazas contra el:
"Vaiamos e eliminémolo
de entre os pobos".
Desde Dimón chorarás a berros,
pois perséguete a espada.
[3]Desde Horonaim veñen gritos
pedindo socorro,
gran ruína e devastación.
[4]Moab está devastada,
os seus aflixidos fan oír
grandes clamores.
[5]Quen enerva as súas meixelas
con choro, aumenta o choro.
Ao rebelarse
contra os seus vieiros angustiosos
escoita os gritos de desolación:
[6]Correde e salvade a vosa vida!
Sede no deserto coma o burro salvaxe.
[7]Velaí: por fiarte das túas obras
e dos teus tesouros,
tamén ti serás conquistada.
E Kemox irá ao desterro,
xunto cos seus sacerdotes
e os seus príncipes.
[8]O conquistador entrará
en todas as cidades,
e ningunha cidade escapará.
Perderase a veiga,
será devastada a chaira
–é a sorte que dixo o Señor–.
[9]Dádelle sal a Moab,
pois certo que se renderá.
As súas cidades volveranse
unha desolación,
por falta de quen habite nelas.
[10]Maldito quen cumpre o encargo
do Señor con pouco xeito,
maldito quen retén a súa espada
apartada do sangue.
[11]Moab está en paz desde a súa xuventude,
descansa tranquilo
coma o viño na súa borra,
pois non foi trasfegado
dunha cuba a outra:
ao desterro non foi;
por isto permanece nel o sabor,
e o aroma non se alterou.
[12]Pois ben, velaí chegan días
–é o Señor quen fala–
nos que lle mandarei trasfegadores
que o trasfeguen;
derramarán as cubas
e esnaquizarán as cántaras de barro.
[13]Moab avergonzarase de Kemox,
como a casa de Israel
se avergonzou de Betel,
o motivo da súa confianza.

[14]Como vos atrevedes a dicir:
"Nós somos valentes,
homes fortes para a guerra?".
[15]O devastador do Moab
e das súas cidades sobe,
o escollido dos seus soldados
baixa ao matadoiro
–oráculo do Rei,
que ten por nome Señor dos Exércitos–.
[16]A desgraza de Moab
está a punto de chegar,
o seu desastre vén á présa
desde as augas abismais.
[17]Chorade por el todos os seus veciños,
todos os que coñecedes o seu renome.
Dicide: "Como se partiu a vara
de mando, o cetro da gloria!".
[18]Baixa do trono, senta no chan seco,
poboación da filla de Dibón,
porque o devastador de Moab
sobe contra ti,
destrúe as túas cidades ben muradas.
[19]Mantente firme no camiño,
e estate en vela, poboación filla de Aroer,

**48**, 2 *Dimón*: así entendeu o termo S. Xerome; actualmente chámase Kirbet Dimá.
**48**, 5 *Meixelas*: outros len un nome propio de cidade (Luhit), cousa que non é posible pola presenza do artigo e polo paralelismo de luhot (texto consonántico) con bekii (= choro). Tanto este verso coma o que segue refírense á liturxia penitencial colectiva.
*Vieiros angustiosos*: lit. "o seu vieiro da súa angustia": vieiro, como sinónimo de comportamento soberbio e de autosuficiencia.
48, 7 *As* túas obras: refírese aos ídolos coma Kemox e aos tesouros gardados nos templos idolátricos.
**48**, 9 *Sal*: sal mineral, a cousa máis necesaria para os asediados, que precisaban manter as enerxías.
**48**, 10 Estas maldicións, dirixidas aos babilonios, comentan a desolación das cidades de Moab.
**48**, 11-12 A imaxe da traxedia do viño de Moab, abundante e famoso, serve para expresar a devastación das súas cidades.
**48**, 13 *Kemox* era o deus idolátrico nacional de Moab, e un título de Baal, como o subliña a comparación con Betel, onde Israel dera culto sincretista a Baal baixo o nome de Iavé.
**48**, 16 *Desde as augas abismais*: a expresión refírese ao aspecto caótico infernal do arrasamento de Moab.
**48**, 17 *Vara..., cetro*: símbolos do poder. *Gloria* equivale aquí a esplendor.

pregúntalles ao fuxitivo
e ao que escapa, e dilles:
"Que pasou?".
20 Moab está avergonzada,
está tan horrorizada:
Laméntate, pide auxilio;
anunciádeo no Arnón:
Moab está arrasada!
21 Xa vén o xuízo de condenación
sobre a terra chá:
Sobre Holón, Iasah, Mofeat,
22 sobre Dibón, Nebó e Bet-Diblataim,
23 sobre Quiriataim, Bet Gamul, Bet Meón,
24 sobre Queriot e Bosrah,
e sobre todas as cidades do país de Moab,
as de lonxe e as de cerca.
25 Partiu o corno de Moab,
e o seu brazo rompeu
–é o Señor quen fala–.
26 Emborrachádea, pois a súa débeda
co Señor fíxose grande;
que caia Moab no seu vómito,
que se converta en obxecto clamoroso
de escarnio para ti.
27 Acaso Israel non foi para ti
o mesmo obxecto de riso,
cando se atopou entre ladróns?
Acaso non abaneaches
a cabeza burleiramente,
todas cantas veces as túas verbas
se dirixiron a ela?
28 Deixade as cidades e vivide
entre os penedos,
habitantes de Moab;
sede coma as pombas que aniñan
ao outro lado dun barranco.
29 Sabemos da soberbia
do orgulloso Moab,
crecen a súa insolencia e o seu orgullo,
a súa presunción
e mais a altivez do seu corazón.

30 Eu coñezo a súa arrogancia
–é o Señor quen fala–:
inxustiza é o que fan coas súas mans.
31 Por isto lamentareime por Moab,
clamarei por todo Moab,
haberá pranto polos homes
de Quir-Heres.
32 Máis ca os choros por Iazer,
chorarei eu por ti, viña de Sibmah:
as túas viñas traspasan o mar,
máis aló do mar chega a túa axuda;
pero o devastador caerá
sobre a túa colleita e a túa vendima.
33 Desaparecerá o gozo e a alegría
das viñas e das chairas de Moab.
Acabarei co viño das súas cubas;
o trono da tormenta
si que o avolverá,
un trono e mais dous tronos.
34 Os berros de auxilio de Hexbón chegan
ata Elaleh, ata Iahás. Lanzan os seus gritos
desde Soar ata Horonaim, a xovenca de tres
anos; pois mesmo as fontes de Nimrim se
volven unha desolación. 35 En Moab acaba-
rei –é o Señor quen fala– con quen ofrece
holocaustos nas ermidas dos outeiros, e con
quen queima incenso aos seus deuses. 36 Por
isto o meu corazón axítase por Moab como
unha frauta e como unha frauta xeme o meu
corazón polos homes de Quir-Heres, por isto
o máis precioso da arada volverase un ermo.
37 Velaí toda cabeza pelada; e toda barba rapa-
da; en todas as mans incisións; e sobre os ri-
les os sacos; 38 en todas as terrazas de Moab e
en todas as súas prazas todo é unha lamenta-
ción, pois eu esnaquicei Moab coma cachar-
ro inútil –é o Señor quen fala–. 39 Que horro-
rizada está! Lamentádevos! Como volve as
costas Moab avergonzada! Converteuse na
burla e no escarnio de todos os seus veciños.

40 Así fala o Señor:
Velaí, como unha aguia voa
e estende as súas ás contra Moab.
41 As súas cidades serán conquistadas,
e as súas fortalezas tomadas.
No día aquel o corazón
dos soldados de Moab
será coma o corazón dunha muller
nas angustias do parto.
42 Moab deixará de ser un pobo,
porque se ensoberbeceu contra o Señor.
43 O terror, o pozo e o cepo están ante ti,
habitante de Moab

**48**, 26 *Débeda*: polo pecado de soberbia e autosuficiencia respecto de Deus.
**48**, 27 *Entre ladróns*: referencia aos rexicidios no reino de Israel.
**48**, 33 *O trono da tormenta*: é un epíteto de Baal, o deus do trono e da chuvia.
**48**, 34 *Horonaim*: poboación non localizada, pero que aparece na estela do rei Mesa. Probablemente está formada coas augas de Nimrim (preto do mar Morto): por isto a aposición "xovenca de tres anos" vén explicar os gritos da poboación.
**48**, 36 *O máis precioso da arada volverase un ermo*. Esta expresión é un comentario ao nome da cidade Qir Héres (lit. "cidade da arada").
**48**, 37 Refírese ao ritual de lamentación colectiva.
**48**, 40 O planeo da aguia ave de rapina é símbolo aquí da invasión dos conquistadores caldeos.
**48**, 43-44 *O pozo* designa aquí o calabozo (cf Xer **38**, 6-7; Is **24**, 17).

–é o Señor quen fala–.
44Quen escapa da presenza do terror,
cae no pozo;
e quen sobe do pozo é collido no cepo.
Eu fago vir sobre el, sobre Moab,
o ano das súas contas
–é o Señor quen fala–.
45Ao amparo de Hexbón
detéñense os fuxitivos sen forzas,
de Hexbón sae lume,
e chamas saen do neutral Sihón,
devoran a cabeza de Moab
polos dous lados
e o cranio dos fillos da destrución.
46Ai de ti, Moab!
Está perdido o pobo de Kemox.
Os teus fillos son levados á catividade,
e as túas fillas ao desterro.
47Pero ao cabo duns anos volverei
a traer os desterrados de Moab
–é o Señor quen fala–.

Ata aquí o xuízo de Moab.

### Oráculo de castigo contra os amonitas

**49** 1Acerca dos amonitas,
así fala o Señor:
Acaso Israel non ten fillos?
Acaso non ten herdeiro?
Por que Milkom herdou Gad
e o seu pobo vive nas cidades de Gad?
2Por isto: Velaí veñen días
–é o Señor quen fala–
nos que farei oír berros de guerra
contra a capital dos amonitas,
que se converterá nun outeiro
de desolación,
e as súas cidades filiais
serán incendiadas con lume,
mentres Israel herdará
dos herdeiros deles
–dío o Señor–.
3Fai lamentacións, Hexbón,
pois, Ai está devastada;
gritade, cidades filiais da capital, Rabah,
vestídevos de saco, facede loito,
andade dun lado para o outro entre muros.
Pois Milkom vai á catividade
xunto cos seus sacerdotes e xefes.
4Por que te glorias da túa forza?
A túa forza amolece, filla rebelde
que confía nas súas riquezas:
"Quen virá contra min?".
5Eu traerei contra ti o terror
de parte de todos os teus veciños
–quen fala é o Señor,
Deus dos Exércitos–.
Seredes expulsados,
cada un pola súa parte,
e non haberá quen xunte aos que escapan.
6Pero despois disto volverei traer
os desterrados, fillos de Amón
–é o Señor quen fala.

### Oráculos de castigo contra Edom

7Acerca de Edom,
así fala o Señor dos Exércitos:
Xa non hai sabedoría en Temán?

**48**, 45 *Fillos da destrución*: xente destinada á destrución.
**49**, 1-6 Esta sección é un oráculo de xuízo condenatorio, en dous despregues (vv. 1-3; 4-6). As acusacións conservan a forma do interrogatorio xudicial (vv. 1 e 4), referíndose a primeira ás inxustizas contra Israel, e a segunda á actitude interna de soberbia e autosuficiencia. O primeiro dos anuncios de castigo (v. 2) acaba coa promesa de salvación para Israel, mentres que o segundo (v. 5a) é puro anuncio de castigo. A primeira tipificación (v. 3) consiste nunha invitación á lamentación colectiva por mor da inminente catividade; e a segunda (v. 5b) refírese á expulsión dos amonitas do seu territorio. O v. 6 é o final de toda a unidade, na que se anuncia a restauración de Amón, cousa que converte o oráculo nun castigo purificador das inxustizas.
**49**, 1 O terreo da tribo de Gad era parte do antigo territorio amonita que xa Iefté tivo que recuperar (cf Xuí **11**, 4-33). Pero na campaña do 734, o rei asirio Tiglatpeléser deportou a Gad, e os amonitas ocuparon a súa terra. O oráculo do profeta é anterior á morte de Ioxías, e responde aos seus plans mesiánicos de restaurar o reino de David.
*Milkom* (= rei) era un título de Baal, e tamén era o nome do deus nacional amonita.
**49**, 2 *A capital* (heb. rabah): aquí non é o nome propio da capital amonita a actual Rabat, senón nome común, oposto ás cidades filiais do v. 3.
*Israel*: a descendencia de Xacob. Aquí funciona no dobre sentido de pobo descendente de Xacob do ano 612-609 e nos seus herdeiros polo s. VIII.
**49**, 3 *Hexbón*: cidade moabita, probablemente conquistada entón polos amonitas.
**49**, 7-22 Esta sección está composta de dous oráculos de xuízo de castigo (vv. 7-11; e 12-22). O primeiro comeza coa acusación en forma interrogativa (v. 7); e o anuncio de castigo (vv. 8-11) ábrese cunha invitación a fuxir (v. 8a), para logo descubrirlle Iavé os escondedoiros aos invasores (v. 10a). O oráculo acaba cunha promesa salvífica para os oprimidos (orfos e viúvas) que abandonen Edom e se xunten a Xudá e a Iavé; pero esta promesa é expresión de que a salvación está na asimilación a Xudá. O segundo oráculo (vv. 12-22) comeza co anuncio de castigo (vv. 12-15). A acusación aparece no v. 16 e é unha acusación de soberbia polo seu poder militar e de temeridade polos seus plans políticos. O anuncio de castigo, introducido por unha invitación a fuxir (v. 16b), chega ata o v. 18. O v. 19 constitúe unha repetición da acusación de soberbia en imaxes pastorís (o león que sobe da selva) e do anuncio de castigo. Este anuncio de castigo, do v. 19, enfatízase nos vv. 20-22 cunha solemne tradución oracular do v. 20.
**49**, 7 Edom e os edomitas son descendentes de Esaú; e as tensións entre os dous irmáns continuaron entre os seus descendentes. Os feitos que provocaron o oráculo profé-

Faltoulles aos intelixentes o consello?
Corrompeuse a súa sabedoría?
[8]Escapade, dade a volta,
cavade foxos onde morar,
habitantes de Dedán;
é a calamidade de Esaú
o que traio contra Dedán,
é o intre no que eu lle pedirei contas.

[9]Cando entren en ti os vendimadores,
non deixarán acio ningún;
cando entren de noite os ladróns,
destruirán canto lles cumpra.
[10]Serei eu quen descubra a Esaú,
quen poña á vista os seus escondedoiros,
de xeito que non se poida ocultar.
Está destruída a súa descendencia
e a súa parentela,
os seus veciños xa non os ten.
[11]Abandona aos teus orfos,
que eu os farei vivir,
e as túas viúvas confiarán en min.
[12]Certo, si, así fala o Señor:
Os que non teñen a condena
de beber a copa,
certo que a beberán:
e vas ser ti quen se libre do castigo?
Non te librarás,
senón que sen remedio a beberás.
[13]Pois xuro por min mesmo
–é o Señor quen fala–
que Bosrah se converterá
nunha desolación,
nunha morea de ruínas, nun ermo
e nun obxecto de maldición,
e todas as súas cidades
se converterán nun ermo perpetuo.

[14]Oín unha mensaxe de parte do Señor,
e un mensaxeiro foi mandado ás nacións:
"Xuntádevos, subide contra ela;
en pé, á guerra!".
[15]Velaí: convértote
no máis pequeno dos pobos,
no máis desprezable da humanidade.
[16]O espanto que produces enganoute,
a temeridade do teu corazón.
Vive nas fendeduras das penas!
Agárrate á cima dos montes!
Aínda que levantes
coma a aguia o teu niño,
heite baixar de alí
–é o Señor quen fala–.
[17]Edom volverase unha desolación:
todo o que pase por el
suspirará e asubiará en presenza
das súas feridas,
[18]igual que en presenza da destrución
de Sodoma e Gomorra
e das súas cidades veciñas
–dío o Señor–.
Ninguén vivirá alí,
ningún fillo de home morará nela.
[19]Velaí un león que sobe
da fraga do Xordán:
á súa morada heino devolver,
heino espantar e facer correr desde alí.
Cal é o escollido de entre o seu exército,
que o hei castigar?
Pois quen hai coma min?
Quen me desafía a un xuízo?
Quen é o pastor que se mantén de pé
na miña presenza?
[20]Por isto, escoitade o plan do Señor,
o que el formulou contra Edom,

tico foron as incursións arameas do ano 601/600 das que fala 2 Re **24**, 2, e a rebelión de Ioaquim contra os caldeos. A acusación de falta de sabedoría (= habilidade e sentido práctico) refírese á oposición entre pobos irmáns que se opoñen entre eles cunha grande potencia por medio. A sabedoría dos edomitas era proverbial no A. T.: cf Bar **3**, 22-23; 1 Re **5**, 10-11; Xob **2**, 11; Pr **31**, 11. Tamén é expresión poética de Edom: cf Xén **36**, 11. 15. 42; Ez **25**, 13; Am **1**, 2.

**49**, 8 *Dedán*: no S de Edom (cf **25**, 23; Xén **10**, 7; Is **21**, 13; Ez **25**, 13).

**49**, 9 *Os vendimadores* son os babilonios, executores do castigo divino.

**49**, 10 *Parentela*: lit. "irmáns", pois "a irmandade" incluía a parentela: primos, sobriños, e outros membros da mesma tribo.

**49**, 11 Coa redución do territorio de Xudá, causada polos babilonios e polas incursións árabes en Edom, os edomitas pobres ocupan o sur de Xudá, no que o profeta descobre a man de Iavé.

**49**, 12 *A copa*: o sinal do castigo dorido, xa desde o segundo milenio, pois acompañaba como analxésico as dores do axustizado. A primeira expresión é un dito relativo á situación de invasións, nas que sofren os mesmos inocentes.

**49**, 13 *Bósrah*, cidade ao SL do mar Morto (cf Is **33**, 6; **63**, 1; Am **1**, 12).

**49**, 14 O profeta quere transmitir o que recibiu: unha orde divina de ataque contra Edom. As nacións son os caldeo-babilonios, e os pobos que lle estaban sometidos.

**49**, 15 *Humanidade*: o termo "adam" case sempre ten sentido colectivo, e aquí especialmente, por paralelismo con "pobos".

**49**, 16 *Espanto*: é o terror que infundían os bravos edomitas. Temeridade do corazón: dos plans de ocupación do territorio de Xudá.

**49**, 17 *Asubiará*: xesto de horror e desprezo: cf **19**, 8; **50**, 13; Lam **2**, 15; Ez **27**, 36; Sof **2**, 15.

**49**, 19 A imaxe do león que sobe da fraga do Xordán para atacar as reses hebreas, aplícaselle aquí a Edom, que sae do seu territorio para ocupar Xudá. A imaxe quere expresar a soberbia e autosuficiencia de Edom, que se enfronta co mesmo Iavé. As interrogacións teñen función enfatizante.

**49**, 20 *Os pastoriños* son os reis das nacións: Nabucodonosor, e os pobos sometidos a el.

e as decisións que tomou
contra os habitantes de Temán.
É ben certo que os arrasarán
os pastoriños do rabaño,
si, a súa morada
quedará destruída ante estes.
[21]Co estrondo da súa caída
tremerá o país, que clamará,
e desde o mar dos Xuncos
oirase o seu clamor.
[22]Velaí unha aguia
que subirá e planeará,
estenderá as súas ás sobre Bosrah;
o corazón dos soldados de Edom
volverase no día aquel
coma o corazón dunha muller
nas angustias do parto.

### Oráculo de castigo contra Damasco

[23]Sobre Damasco:
Están cubertos de vergonza
Hamat e Arpad,
pois oíron unha mala noticia,
asustounos o Monstro mariño,
a angustia que non se pode calmar.
[24]Quedou sen forzas Damasco,
dá volta para escapar,
o terror apodérase del,
angustias e dores apodéranse del
coma dunha muller en parto.
[25]Como estará abandonada
a cidade sonada, a vila alegre!
[26]Certo, caerán os seus soldados
nas súas prazas,
e todos os homes de guerra
perecerán no día aquel
–oráculo do Señor dos Exércitos–.
[27]Prendereilles lume ás murallas
de Damasco,
e consumirá os palacios de Ben-Hadad.

### Oráculo de castigo contra Quedar e as tribos de Oriente

[28]Así fala o Señor acerca de Quedar e dos reinos de Hasor, que destruíu Nabucodonosor, rei de Babilonia:
En marcha! Subide contra Quedar,
devastade as tribos de Oriente.
[29]Collan as súas tendas
e mais os seus rabaños,
as súas cidades e todos os seus útiles;
apodérense dos seus camelos e bérrenlles:
"Pavor por todas partes".
[30]Fuxide, escapade da calamidade,
cavade moradas, habitantes de Hasor
–é o Señor quen fala–,
pois Nabucodonosor, rei de Babilonia,
maquinou un plan contra vós,
tomou decisións contra eles.
[31]En marcha!
Subide contra o pobo descoidado,
que vive na tranquilidade
–é o Señor quen fala–,
sen dobre porta e sen ferrollo;
viven sos.
[32]Os seus camelos servirán de botín,
e a multitude dos seus rabaños
servirá de ganancia;
dispersareinos a todos os ventos
coas tempas rapadas
e de todas as rexións traereilles
a súa calamidade
–é o Señor quen fala–.
[33]Hasor converterase en morada
de serpes monstruosas,
nunha desolación para sempre.
Ninguén habitará máis alí,
e non residirá nela home ningún.

**49**, 21 *O mar dos Xuncos*: probablemente o golfo de Aqaba (cf 1 Re **9**, 26).
**49**, 22 A *aguia*: cf nota a **48**, 40.
**49**, 23-27 Oráculo de castigo, composto de dúas seccións. A primeira (vv. 23-27) refírese a unha mala noticia que chega a dúas poboacións costeiras, e de alí pasa a Damasco, provocando profunda angustia e terror. Esta noticia tivo que ser a derrota exipcio-asiria de Kárkemix (ano 605). A segunda parte é un preanuncio da caída de Damasco, que entón se vía vir.
**49**, 23 *Asustounos... mariño*: lit. "foron axitados por Iam". Iam é aquí a divindade mariña cananea, provocadora do caos primordial, que quere anunciar o carácter diabólico-caótico da dominación caldea.
**49**, 27 *Ben-Hadad*: rei de Damasco no 840 (cf 2 Re **13**, 24; Am **1**, 4).
**49**, 28-33 O v. 28a preséntanos os destinatarios do oráculo.
*Quedar*: tribos nómades do deserto sirio-árabe (cf Xén **25**, 13; Is **21**, 16-17). Os reinos de *Hasor*: tribos de Oriente, seminómades, do deserto de Arabia (cf Xén **25**, 16; Is **42**, 11). A referencia á invasión de Nabucodonosor aconteceu nos anos 604-603. Literariamente o texto comeza cunha orde divina de marcha militar, dirixida ao exército de Nabucodonosor (vv. 28b-29), á que segue outra, dirixida aos invadidos, para que fuxan do invasor (v. 30). O v. 31 repite as ordes divinas para os babilonios, acabando cun oráculo de castigo (vv. 32-33).
**49**, 30 *Cavade moradas*: refuxios subterráneos e covas onde protexerse dos invasores. *Contra vós*: os habitantes de Hasor; *contra eles*: os árabes do deserto.
**49**, 31 *Dobre porta*: non son as dúas follas dunha porta encaixadas na muralla, senón dúas portas, unha detrás da outra.
**49**, 32 *Tempas rapadas* (lit. "rapados nas tempas". Segundo Heródoto **3**, 2, os árabes "cortaban o cabelo arredor, rapando as tempas.
**49**, 33 *Serpes monstruosas*: cf nota a **9**, 10.

**Oráculo de castigo contra Elam**

34Cando lle veu a palabra do Señor a Xeremías acerca de Elam nestes termos, foi no comezo do reinado de Sedecías, rei de Xudá.
35Así fala o Señor dos Exércitos:
Velaí vou eu romper o arco de Elam,
o mellor das súas forzas virís;
36vou traer contra Elam os catro ventos
dos catro cantos do ceo:
dispersareinos con todos os ventos,
e xa non existirá máis este pobo,
porque non volverá máis alí,
desterrado para sempre.
37Farei tremer Elam
ante os seus inimigos,
ante os que buscan acabar coa súa vida;
traerei sobre eles unha desgraza,
o incendio da miña ira
–é o Señor quen fala–.
Mandarei tras eles a espada,
ata que eu acabe con eles.
38Poñerei o meu trono en Elam,
farei desaparecer de alí ao rei
e aos ministros
–é o Señor quen fala–.
39Pero, ao andar dos días,
volverei do revés a catividade de Elam
–é o Señor quen fala.

## CAÍDA DE BABILONIA E SALVACIÓN DE ISRAEL: ORÁCULOS E LAMENTACIÓNS

**Título**

**50** 1Esta é a palabra que o Señor dirixiu a Babilonia, o país dos caldeos, por medio do profeta Xeremías.

**Primeiro oráculo**

2Facédeo saber entre as nacións,
anunciádellelo,
levantade a bandeira, anunciádellelo,
non o ocultedes, dicide:
Foi conquistada Babilonia,
quedou avergonzado Bel,
quedou horrorizado Marduk;
avergonzadas quedaron as súas imaxes,
horrorizados os seus ídolos.
3Velaí: desde o norte sobe
contra ela un pobo
que converte a súa terra
nunha desolación;
xa non haberá quen habite nela;
desde os homes aos animais
fuxiron á desbandada.
4Nos días aqueles e naquel intre,
–é o Señor quen fala–
virán os fillos de Israel
canda os fillos de Xudá,
camiñarán decididos e esbagullando,
e buscarán ao Señor, o seu Deus.
5Preguntarán por Sión,
polo camiño que leva alí,
que está diante deles:
"Camiñade e levemos a termo,

**49**, 34-39 Comeza a sección (v. 34) coa data e circunstancias do ano 597, no que Xudá é humillado por Babilonia, que lle deporta a seu rei Ioaquín. O profeta percibe, por revelación divina, a ruína do imperio caldeo, pola invasión dos medos e persas, que conquistan Elam arredor do ano 590. O imperio de Elam estaba situado no golfo pérsico, con Babilonia ao poñente, Media ao N e Persia ao nacente. Literariamente o texto é un oráculo de castigo. No v. 38 fálase do meu trono (o trono de Iavé), referencia profética á capitalidade do novo imperio medo-persa en Xuxán, cidade de Elam. Con este novo imperio, vaise estender o reinado de Iavé no mundo dos deportados.
**49**, 35 *O arco* é imaxe do poder militar.
**49**, 36 *Catro ventos dos catro cantos do ceo* (NO, NL, SO, SL): son forzas maléficas e de destrución.
**49**, 38 Advirtamos a función enfatizante da expresión "é o Señor quen fala" (lit. "oráculo do Señor"). O profeta presenta o castigo de Elam coma un xeito de conseguir os plans salvíficos-universalistas de Deus. Nisto, Xer anticípase ao Déutero-Isaías.
**50**, 1-**51**, 58 O texto de **50**, 1 introduce oito seccións de oráculos de xuízo de castigo ou de castigo para Babilonia, nos que se intercalan oráculos salvíficos para Israel e Xudá, como é característico nos oráculos contra as nacións. Estas seccións de castigo sepáranse con sete lamentacións pola caída de Babilonia. Con esta disposición literaria, o redactor quere mostrar que, coa caída de Babilonia, comeza un período escatolóxico co número oito como clave.
**50**, 2-10 Esta primeira sección consta dun oráculo de castigo, no que o profeta percibe o anuncio coma un feito xa acabado na decisión divina, e que ha ser proclamado entre as nacións, para verse libre dos opresores (v. 2). Segue unha concreción do castigo (v. 3). Os vv. 4-5 constitúen un oráculo salvífico para Xudá e Israel, que volverán do desterro cara a Sión, e recibirán en resposta ás súas preguntas a orde de volver a Sión, e concluír co Señor unha alianza eterna. Os vv. 6-10 serven de contraste e desenvolvemento do oráculo salvífico, ao mesmo tempo que vinculan o oráculo salvífico co de castigo que se repite nos vv. 9-10.
**50**, 2 *Bel* é título humano ou nome da principal divindade babilónica. Marduk = Baal. Marduk é o nome acádico do hebreo Merodac. Na corte de Iavé o profeta descobre a caída de Babilonia e a humillación dos seus deuses.
**50**, 4 *Decididos e esbagullando*: referencia á liturxia penitencial, na que buscan a prosperidade que lle vén de Iavé.
**50**, 5 *Camiñade...* En resposta á pregunta polo camiño, o profeta mándalles que transformen a volta a Sión e a liturxia penitencial nunha renovación da alianza definitiva e escatolóxica. *Levade a termo*: cf Is **33**, 1.

ante o Señor, unha alianza eterna
que nunca se esqueza".
6 Un rabaño de ovellas
descarreiradas é o meu pobo;
os seus pastores escorrentáronas
da miña montaña,
camiñan descarreiradas
de montaña en outeiro,
esqueceron a súa corte.
7 Todos os que as atopan, devóranas,
e os seus opresores din:
"Nós non temos culpa,
xa que eles pecaron contra o Señor;
o seu lugar lexítimo e a esperanza
dos seus pais é o Señor".
8 Fuxide da presenza de Babilonia,
saíde do país dos caldeos,
sede coma castróns á fronte do rabaño.
9 Eu estou suscitando e facendo subir
contra Babilonia unha xuntanza
de grandes pobos,
desde a terra do norte
aliñaranse contra ela,
e desde alí conquistarana.
As súas frechas son coma un guerreiro
que deixa pais sen fillos,
que non volve da guerra en van.
10 Caldea converterase en presa,
todos os ladróns fartaranse con ela
–é o Señor quen fala.

### Primeira lamentación pola caída de Babilonia

11 Alégrate! Brinca de ledicia,
saqueadora da miña herdanza!
Brinca coma xovenca en celo!
Rincha coma os cabalos da parada!
12 A vosa nai estará avergonzada
por culpa da calamidade,
estará alporizada a que vos deu a luz;
védea: será o último dos pobos,
un deserto, terra reseca e unha estepa.
13 Por causa da ira do Señor
non será habitable,
toda ela se volverá unha desolación.
Todo o que pase xunto a Babilonia
suspirará, e asubiará á vista
de todas as súas chagas.
14 Aliñádevos en círculo contra Babilonia,
todos os que tensades o arco,
tirádelle a ela, non aforredes frechas,
xa que pecou contra o Señor.
15 Lanzade berros en todo o arredor
contra ela:
o seu poder réndese,
caen as súas columnas,
derrúbanse os seus muros.
Esta é a vinganza do Señor,
vingádevos dela;
como ela fixo, facédelle a ela.
16 Exterminade de Babilonia ao sementador
e ao que colle a fouce no tempo da sega.
Que, lonxe da espada opresora,
cada un se dirixa ao seu pobo,
que cada un fuxa ao seu país.

### Segundo oráculo: castigo de Babilonia e salvación para Israel

17 Ovella descarreirada era Israel,
perseguírona leóns:
o primeiro que a devorou
foi o rei de Asur,
e o derradeiro que lle rompeu os ósos
foi Nabucodonosor, rei de Babilonia.
18 Por isto, así fala o Señor dos Exércitos,
Deus de Israel:
Eu vou castigar o rei de Babilonia
e o seu país,
o mesmo que castiguei o rei de Asur.
19 Traerei a Israel ao seu pasteiro
e pastará no Carmelo e en Baxán,
nas montañas de Efraím e en Galaad;
fartarase a súa gorxa.
20 No tempo aquel e naquel intre
–é o Señor quen fala–
buscarase a iniquidade en Israel
e non existirá,
buscarase o pecado de Xudá

**50**, 6-7 O oráculo salvífico precisa da descrición do estado de desgraza e da súa xustificación.
*Os pastores* son os reis e dirixentes do pobo durante os anos anteriores ao exilio. *Lugar lexítimo* (lit. "morada de xustiza"): sitio que lles pertence lexitimamente.
**50**, 8-10 Orde de fuxir de Babilonia. Quérese vincular o oráculo salvífico coa caída de Babilonia: por isto se repite nos vv. 9-10 o tema do xuízo de castigo contra Babilonia. Esta orde diríxese aos responsables do pobo exiliado, que han de tirar del coma os castróns que van diante do rabaño.
**50**, 11-16 Primeiro cantar á caída de Babilonia. Comeza en ton de escarnio: Babilonia, como muller chea de desexos pola posesión de Xudá, queda avergonzada pola desolación da súa cidade (vv. 12-13a), e desprezada polos que a contemplan (v. 13b). Seguen unhas ordes divinas de ataque á cidade, en vinganza polos seus pecados contra Iavé e polas súas maldades cos pobos, para acabar coa orde de que cada pobo desterrado a abandone, volvendo ao seu país (vv. 14-16).
**50**, 11 *Saqueadora*: Refírese a Babilonia, en figura de muller. *En celo*: expresión da cobiza pola posesión.
**50**, 17-20 Este bloque consta dun oráculo de xuízo de castigo contra Babilonia (vv. 17-18), máis dous oráculos salvíficos para Israel (vv. 19-20).
**50**, 19 A imaxe pastoril do v .17 continúa neste oráculo de restauración. *Gorxa*: heb. néfex, sé das apetencias. As referencias xeográficas ao país de Xudá eran famosas polos pastos.
**50**, 20 *Iniquidade*: aínda que é algo interior, ten a súa expresión externa nas calamidades sociais e persoais.

e non se atopará,
pois eu perdoarei a cantos deixe
quedar vivos.

**Segunda lamentación**

21 Sube ao país de Merataim,
sube contra el e pasa pola espada
os habitantes de Pecod,
consagra á destrución o resto deles
–é o Señor quen fala–
e failles conforme o que eu che mando.
22 Berros de guerra no país,
unha grande desfeita!
23 Como se rompe e se esnaquizou
o martelo de toda a terra!
Como se converteu Babilonia
nunha desolación entre as nacións!
24 Púxenche unha trampa, Babilonia,
e caíches nela sen te dares conta,
fuches encontrada e ben apresada,
pois rebelácheste contra o Señor.
25 O Señor abriu os depósitos
e sacou as armas da súa ira,
pois na capital dos caldeos ten traballo
o Señor, Deus dos Exércitos.

26 Despois, á volta da seitura, entrade nela,
limpade o seu gran como é debido,
xuntádeo coma en medas,
e consagrádeo á destrución:
que non quede nin resto.
27 Acoitelade todos os seus touros,
que os baixen ao matadoiro.
Ai deles! Certo, chegou o seu día,
o intre de lle pedir contas.
28 Un estrondo! O dos que foxen
e escapan do país de Babilonia,
para anunciar en Sión
a vinganza do Señor, o noso Deus,
a vinganza polo seu templo.
29 Recrutade contra Babilonia
arqueiros,
a todos os que tensan o arco;
acampade en círculo contra ela,
que non haxa escapatoria.
Tratádea conforme
o seu comportamento:
tal como ela fixo, facédelle a ela;
ben certo que foi insolente co Señor,
co Santo de Israel.
30 Por isto caerán os seus soldados
nas súas prazas,
e todos os seus guerreiros
perecerán o día aquel
–é o Señor quen fala.

**Terceiro oráculo de castigo de Babilonia e de salvación de Israel**

31 Velaquí estou contra ti, "Insolencia"
–é o Señor quen fala,
o Deus dos Exércitos–,
chegouche o día,
o intre de pedirche contas.
32 A Insolencia tropezará e caerá,
e non haberá quen a erga;
eu préndolles lume ás súas cidades,
consumo todos os seus arredores.
33 Así fala o Señor dos Exércitos:
Na opresión están os fillos de Israel,
o mesmo ca os fillos de Xudá:
todos os que os deportaron retéñenos,
impídenlles marchar.
34 Mais o seu Salvador é forte:
Señor dos Exércitos é o seu nome.
El defenderá enerxicamente a súa causa,
poñendo en calma o seu país,
pero facendo estremecer
os habitantes de Babilonia.
35 Unha espada está sobre os caldeos
–é o Señor quen fala–
e sobre os habitantes de Babilonia,
sobre os seus principais
e sobre os seus sabios.
36 Unha espada está sobre os sacerdotes
que pronuncian oráculos,
que xa non o quererán facer.
Unha espada está sobre os seus soldados
que estarán estarrecidos.
37 Unha espada está sobre os cabalos
de cada un deles,

**50**, 21-30 Esta lamentación está organizada en tres parágrafos (vv. 21-25; 26-28; 29-30), que se abren con ordes divinas dadas aos invasores, ás que segue a descrición penosa da caída de Babilonia e a interpretación teolóxica desta caída, como vinganza do Señor, pola insolencia do home.
**50**, 21 *Merataim* e *Pecod*, son nomes que teñen un valor etimolóxico simbólico, que expresan "amargura" e "castigo", respectivamente.
**50**, 26 As referencias á seitura e á limpa do gran, fan alusión ao xuízo de Deus, que pide contas aos homes no día sinalado (cf v. 27).
**50**, 31-40 Esta terceira sección consta dun oráculo de xuízo de castigo contra "a Insolencia" (personificación literaria da soberbia do poderío babilónico: vv. 31-32), seguido dun oráculo salvífico para Israel e Xudá (vv. 33-34). Acaba a sección cun oráculo de castigo (vv. 35-40), que desenvolve a última frase do v. 34. Os vv. 35-38 explicitan o tema do castigo divino co símbolo da espada, deixando para os vv 39-40 as consecuencias do castigo divino.
**50**, 34 *Salvador* (heb. go'el): un título de Iavé que subliña as obrigas especiais que o vinculan ao seu pobo, e que o moven a castigar os opresores.
**50**, 37 A guerra (carros e cabalos), e mais a seitura e a malla do cereal serán para as mulleres, porque o castigo do Señor acabará cos homes.

e sobre os carros de cada un deles,
e sobre o gran que está
diante de Babilonia,
pois todo isto quedará para as mulleres.
Unha espada está
sobre as súas provisións,
que serán roubadas.
38Unha espada está sobre as súas augas,
que estarán secas.
É un país de ídolos que enlouquece
con figuras monstruosas.
39Habitarán nela os vampiros
xunto cos faunos,
e morarán nela as fillas da avestruz;
non servirá de morada
para nunca xamais,
nin será habitable
de xeración en xeración.
40Sucederá coma cando o Señor
destruíu Sodoma, Gomorra
e as cidades veciñas
–é o Señor quen fala–,
que ninguén habitará en Babilonia,
nin residirá nela ningún humano.

### Terceira lamentación: Cae Babilonia

41Velaí un pobo que vén do norte,
unha grande nación e numerosos reis
póñense en movemento,
desde os recantos do mundo.
42Empuñan o arco e a fouce longa,
son crueis e non teñen compaixón;
os seus berros resoan,
retumban coma o mar,
montan cabalos adestrados
para a guerra,
coma un só home contra ti,
filla de Babel.
43Chegoulle a noticia
ao rei de Babilonia:
tremen as súas mans,
a angustia apoderouse del,
retórcese coma a muller no parto.
44Velaí un león:
sobe da profundidade do Xordán,
á súa morada heino devolver,
heino espantar e facer correr
desde onde subiu.
Cal é o escollido de entre o seu exército
que o hei castigar?
Pois quen hai coma min?
Quen me desafía?
Quen é o pastor que se mantén de pé
na miña presenza?
45Por isto, escoitade o plan que o Señor
formulou contra Babilonia,
as decisións que tomou
contra o país dos caldeos:
É ben certo que os arrasarán
os pastoriños do rabaño;
é ben certo que a súa morada
quedará destruída ante eles.
46Co estrondo da toma de Babilonia
retumba a terra,
o clamor da toma de Babilonia
óese entre as nacións.

### Cuarto oráculo: castigo de Babilonia e salvación de Israel e Xudá

**51** 1Así fala o Señor:
Vou suscitar contra Babilonia
e contra os habitantes do Niño,
contra os que se levantan contra min,
unha forza destrutora.
2Mandarei a Babilonia uns ventos,
que a aventarán e deixarán
baleira a súa terra.
De todo o arredor caerán sobre ela
no día da desgraza.
3Que o exército avance, avance,

**50**, 38 *As augas* teñen aquí o valor simbólico de fartura e prosperidade na vida. Xa que esta vida está sustentada por seres mortos (ídolos), non pode senón desaparecer.
**50**, 39 *Vampiros* e *faunos* reflicten ben a idea que o autor quere expresar: seres diabólicos que viven nos lugares desertos, volvéndoos impuros, como a *avestruz*.
**50**, 41-46 Os vv. 41-42 describen a invasión persa; e o v. 43, a reacción de angustia do rei babilónico, que se tipifica na imaxe pastoril do v. 44. Con esta, anuncia Iavé que botará da súa gorida e escorrentará ao león (= rei de Babilonia) que sobe da espesura do Xordán. O v. 45 é a presentación do plan de Iavé de que outros reis (os medos e persas) destrúan aos caldeos. O v. 46 presenta con expresións cósmicas as consecuencias históricas da caída de Babilonia.
**50**, 42 *Fouce longa*. O termo hebreo designa unha arma cortante, con forma de fouce, espetada na punta dun pau.
**50**, 44 Os interrogantes subliñan o poder de Iavé, coma nos himnos.

**51**, 1-6 O texto comeza cun oráculo de castigo (vv. 1-4) para o que serven de tipificación as ordes divinas dadas aos invasores no v. 34. Este oráculo non se fundamenta nunha acusación de Babilonia, senón nas relacións da alianza de Iavé con Israel e Xudá (v. 5), que permanecen vivas non obstante a culpabilidade de Samaria e Xerusalén. Esta referencia á alianza duradeira explica a orde divina dirixida ao pobo, de deixar Babilonia. Os vv. 5-6 constitúen un oráculo salvífico, aínda que falto da forma literaria normal.
**51**, 1 "Niño dos que se levantan contra min" é un nome ou título acusador de Babilonia. Traducimos o termo «corazón» por «niño», ao ser aquí a sé dos plans e proxectos contra o Señor, algo semellante ao que representaría un niño de víboras para o home.
**51**, 2 *Caerán*: Así como ao vento non hai quen o pare, do mesmo xeito tampouco os babilonios serán capaces de frear aos invasores.

que o exército teña garbo
da súa armadura;
non teñades compaixón
dos seus soldados,
consagrade á destrución
todo o seu exército.
4Que caian feridos de morte
na capital dos caldeos,
que caian atravesados pola espada
nas súas rúas.
5Pois nin Israel nin Xudá están viúvas
do seu Deus, do Señor dos Exércitos,
aínda que as súas capitais
están cheas de culpa
ante o Santo de Israel.
6Fuxide do medio de Babilonia,
que cada un salve a súa vida,
non perezades por causa
da súa iniquidade,
pois é o momento da vinganza
para o Señor,
é o momento do desquite
para quen lle paga o seu merecido.

### Cuarta lamentación pola caída de Babilonia

7Na man do Señor,
Babilonia era unha copa de ouro
que emborrachaba a todo o mundo:
do seu viño beberon as nacións
e por isto todas se volveron tolas.
8Babilonia caeu de repente e esnaquizouse:
lamentádevos por ela.
Collede bálsamo para a súa dor,
Quizais cure!
9Nós tratamos de curar a Babilonia,
pero non curou.
Abandonádea e marchemos
cada un ao seu país,
pois a súa sentenza chega ao ceo,
e érguese ata as nubes máis finas.
10O Señor sacou á luz os nosos dereitos:
Vide e cantemos en Sión
a obra do Señor noso Deus.

### Himno profético ao Señor que xulga a Babilonia

11Limpade as frechas,
enchédeas de veleno.
O Señor espertou o espírito
dos reis de Media.
Contra Babilonia
está o seu plan de destruíla.
Si, a vinganza do Señor
é a vinganza polo seu templo.
12Fronte ás murallas de Babilonia
levantade a bandeira,
reforzade a garda,
poñede postos de sentinelas,
colocade xentes para emboscadas.
Si, tal como o Señor dixo
dos habitantes de Babilonia,
tal como o planeou, así o fai.
13Ti, señora de riquezas,
vives entre moitas augas,
chegou a túa fin,
a medida da túa existencia.
14O Señor dos Exércitos
xura pola súa vida:
Heite encher de homes coma de saltóns,
que clamarán contra ti: "Vitoria!".
15El fixo a terra co seu poder,
creou a terra de labor
coa súa sabedoría,

**51**, 5 *As súas capitais*: Samaria e Xerusalén. Aínda que algúns cambien a orde dos vv. 3 e 5, non parece procedente.
**51**, 7-10 A lamentación contrasta a función de Babilonia como instrumento de castigo nas mans de Iavé (v. 7) coa súa caída irremediable (vv. 8-9a). A lamentación acaba cunha orde divina dirixida a todos os pobos deportados de abandonaren a cidade, e en especial aos xudeus, que han dar grazas en Sión.
**51**, 7 *Copa de ouro*: a copa é aquí sinónimo de castigo, pois, aínda que contén viño, emborracha e enlouquece o mesmo ca os cocidos de herbas dados aos axustizados. A referencia ao ouro faise por ser instrumento nas mans do Señor. No Ap **17**, 4 ten distinto sentido.
**51**, 9 *Marchemos*: O texto reflicte que o seu autor é un dos desterrados, pertencente á escola deuteronomística.
**51**, 11-26 Este texto é unha ampliación da lamentación anterior (cf v. 10b). Literariamente é un himno profético, que presenta a futura vitoria de Ciro como obra de Deus. O himno profético comeza con dúas ordes do Señor, dirixidas aos exércitos de Ciro (vv. 11-12), ás que seguen referencias ao cumprimento do plan do Señor. Este proxecto exprésase en forma directa no v. 13 dirixíndose a Babilonia, e enfatízase no v. 14 cun solemne xuramento divino, que proclama a vitoria dos invasores. Segue un elemento hímnico (vv. 15-16) que subliña o poder creacional de Iavé, en contraste coa vaidade e escarnio dos ídolos (vv. 17-18), para desenvolver despois o tema da grandeza de Deus e do seu nome (v. 19). Os vv. 20-24 presentan a Ciro como instrumento do poder de Iavé contra Babilonia, pola súa actuación en Xerusalén. Esta sección constitúe un elemento central da peza literaria (cf nota a **50**, 1-**51**, 58).
**51**, 11 *Veleno*: O mesmo termo hebreo aparece en ugarítico como cualificativo do monstro mariño Leviatán. Algúns autores enténdeno como "maldito"; outros como "poderoso"; quizais a tradución máis axeitada sexa a de "velenoso", ou mesmo "veleno".
*O espírito*: sé das decisións impulsadas por unha acción divina.
**51**, 13 *Moitas augas*: referencia aos canais de Babilonia, pero con valor simbólico de abondosas riquezas, como obriga o paralelismo con "Señora" (en heb. rabbat = Gran Señora).
**51**, 14 *Vitoria*. O termo hebreo aparece en **48**, 33 co sentido de "trono". Aquí ten o de vitoria que, loxicamente, conduce á posesión do trono.

estendeu o ceo coa súa intelixencia.
16Un trono! El pon no ceo
un fragor de augas
e fai subir nubes do cabo da terra,
produce os lóstregos para a chuvia,
e saca o vento dos seus depósitos.
17Embrutécese o home coa súa suor,
avergónzase todo fundidor
cos seus ídolos,
pois as súas imaxes son mentira,
e non hai espírito nelas,
18son cousa va, obra de burla:
o día en que lles pidan contas, perecerán.
19Non é coma elas o Lote de Xacob,
pois é o que crea todo;
nin é coma elas o Cetro da súa herdanza
que ten por nome o Señor dos Exércitos.
20Ti es o meu martelo,
a miña arma de guerra:
contigo esmagarei pobos,
contigo destruirei reinos.
21Contigo esmagarei cabalos
e os seus cabaleiros,
contigo esmagarei carros
e os seus aurigas.
22Contigo esmagarei o home e a muller,
contigo esmagarei a vellos e rapaces,
contigo esmagarei a mozos e mozas,
23contigo esmagarei o pastor
e o seu rabaño,
contigo esmagarei o arador
e a súa xugada,
contigo esmagarei a rexedores
e maxistrados.
24E deste xeito devolvereille
a Babilonia e aos caldeos
todas as atrocidades que aos vosos ollos
cometeron contra Sión,
–é o Señor quen fala.

### Quinto oráculo de castigo

25Velaquí vou contra ti,
Montaña de Perdición,
–é o Señor quen fala–,
que exterminas a terra toda.
Estendo a miña man contra ti,
bótote a rolos desde os penedos,
e convértote na Montaña da Queima.
26E xa non collerán de ti
pedras de esquinal,
nin pedras para alicerces,
pois serás eterna desolación
–é o Señor quen fala.

### Quinta lamentación: A Guerra Santa contra Babilonia

27Levantade a bandeira nas capitais,
tocade o corno entre as nacións,
declarade a guerra santa das nacións
contra ela,
convocade contra ela os reinos:
a Ararat, a Miní e a Axquenaz;
constituíde contra ela oficiais
de recrutamento,
mandade contra ela cabalos
coma horribles saltóns.
28Declarade a guerra santa
das nacións contra ela:
os reis dos medos, os seus gobernadores
e todos os seus rexedores
e todas as cidades do seu imperio.
29Tremerá a cidade e retorcerase,
pois o pecado de Babilonia
mantén firmes os plans do Señor:
converter a cidade de Babilonia
nunha desolación
por falta de habitantes.
30Os heroes de Babilonia deixan de loitar,
sentan nas fortalezas;

**51**, 16 Preséntase aquí a Iavé cos atributos de Baal. As frases do texto, responden ás concepcións xeofísicas do tempo, coas que se quere subliñar o poder de Iavé.
**51**, 17 Co paralelismo entre "a suor" e "os ídolos", quere expresar o autor que os ídolos son só un froito da suor do artista.
**51**, 19 *Lote de Xacob* e *Cetro da súa herdanza*, son dous títulos de Iavé, cos que se expresa o seu dominio sobre o pobo, por mor da alianza.
**51**, 20 *Martelo*: vocábulo ambiguo; pero o contexto esixe o sentido de "martelo".
**51**, 25-26 Quinto oráculo, que é de xuízo de castigo, coa acusación de exterminar a toda a terra (v. 25a), o anuncio do castigo (v. 25b), e mais a tipificación do mesmo (v. 26).
**51**, 25 *Montaña de Perdición*. O termo Montaña expresa o especial poder e grandeza. "Perdición" é o nome do espírito maléfico contra o que se celebraba no ambiente nómade o ritual da Pascua (cf Ex **12**, 23). O cambio de nome polo de "Montaña da Queima" expresa a total desaparición da mesma.
**51**, 27-32 Esta unidade consta dunha orde divina dirixida aos reinos para declararlle a Babilonia a guerra santa (vv. 27-28), e da descrición das consecuencias da guerra (vv. 29-32). O texto é contemporáneo coa caída de Babilonia, pois reflicte detalles que non é fácil supor nunha predición profética, como a ausencia de Nabónid, e a falta de resistencia dos babilonios.
**51**, 27 *Nas capitais*: O termo empregado ten aquí, por paralelismo con "nacións", o sentido colectivo de capitais de nacións.
*Ararat*: o reino Urartu (Xén **8**, 4; 2 Re **19**, 37). *Miní*, na beira do lago Van, e *Axquenaz*, son os exquitas (Xén **10**, 3; 1 Cro **1**, 6).
**51**, 29 *Cidade*: lit. heb. eres = terra, que, por paralelismo, é a cidade de Babilonia.
**51**, 30 Referencia á falta de resistencia de Babilonia, descontenta das reformas relixioso-políticas do usurpador Nabónid, quen se dedicaba entón ás conquistas en Arabia, deixando o reino nas mans de seu fillo Belxasar (ou Baltasar).

afrouxan a súa valentía,
vólvense mulleres.
Queimaron as moradas de Babilonia,
están rotos os seus ferrollos.
31Un correo corre
ao encontro doutro correo,
un mensaxeiro
ao encontro doutro mensaxeiro,
para anunciarlle ao rei de Babilonia
que a súa cidade foi tomada
dun cabo ao outro.
32As pasaxes están tomadas,
ás defensas dos fortíns
prendéronlles lume,
e os combatentes están estarrecidos.

**Sexto oráculo de castigo contra Babilonia**

33Si, así fala o Señor dos Exércitos,
o Deus de Israel:
A capital de Babilonia
é coma unha eira
no tempo de achanzala,
dentro dun pouco virá
o tempo da malla.
34Nabucodonosor comeunos
e chupounos o sangue,
o rei de Babilonia deixounos
coma un prato ben repañado,
enguliunos coma o Tanín,
encheu a súa tripa, ao seu pracer,
fíxonos desaparecer.
35"A opresión que sufriu
e a vinganza do meu sangue
está sobre Babilonia",
–di a poboación de Sión–.
"O meu sangue está
sobre os habitantes de Caldea",
–di Xerusalén.

36Por isto así fala o Señor:
Eu defenderei o teu preito,
e voume encargar da túa vinganza;
vou secar o seu mar,
vou enxugar as súas fontes.
37Babilonia volverase
unha morea de ruínas,
unha morada de serpes,
un horror e unha burla,
por falta de habitantes.
38Roxen en moreas coma leóns,
roxen coma cachorros de leóns:
39cando estean alporizados,
eu prepararéilles o seu banquete,
emborrachareinos
para que estean alegres,
e durmirán un sono eterno,
non espertarán
–é o Señor quen fala–.
40Fareinos baixar ao matadoiro, coma años,
coma carneiros e castróns.

**Sexta lamentación e orde de abandonar Babilonia**

41Como? Foi conquistada Xexak,
foi capturado o esplendor
de toda a terra?
Como? Volveuse unha desolación
Babilonia entre os pobos?
42Subiu o mar sobre Babilonia,
está cuberta polo tumulto
das ondas do mar;
43as súas cidades vólvense unha desolación,
terra reseca e erma,
cidades nas que ninguén habita,
polas que ningún humano pasa.
44Pídolle contas a Bel en Babilonia,
e quítolle da boca o seu bocado;
as nacións xa non volverán onda el,
mesmo caerá a muralla de Babilonia.
45Sae, meu pobo, do medio dela,
salvade cada un a vosa vida
do incendio da ira do Señor.

**51**, 33-40 Esta sección contén un oráculo de xuízo de castigo completo contra Babilonia, coa acusación (v. 34), a súa tipificación (v. 35), o anuncio de castigo (v. 36) e a tipificación do castigo (v. 37). O oráculo está introducido pola imaxe do xuízo divino (a malla do cereal: v. 33), e está acabado por unha presentación poética do castigo divino (vv. 38-40).
**51**, 33 *Capital de Babilonia*: lit. "a filla de Babilonia". *Eira no tempo de achanzala*: referencia ao pisoamento da eira de mallar o trigo.
**51**, 34 *O sangue*: a vida, no sentido de prosperidade na liberdade, que se lle acabou a Xudá coa deportación a Babilonia.
*Tanín*, monstro mítico, especialmente voraz (cf Is **51**, 9; Xob **7**, 12; Sal **74**, 13; **89**, 11).
**51**, 36 *O seu mar*: non ten aquí o sentido caótico e negativo da mitoloxía cananea e grega, senón o de abundancia de auga do Éufrates, e a prosperidade, polo paralelismo con fontes.
**51**, 39 *O seu banquete*: no que os reis (= leóns: aquí os dirixentes de Babilonia) se emborrachan e pasan ao sono eterno, é expresión poética do castigo divino, pois a borracheira é de narcóticos estupefacientes, que acompañaban os sufrimentos que ironicamente se presentan nun banquete.
**51**, 41-46 A sección consta dunha lamentación (vv. 41-43), á que se engade un versículo (v. 14) de clarificación teolóxica da caída de Babilonia, para acabar nos vv. 45-46 coa orde divina de que o seu pobo deixe Babilonia.
**51**, 41 *Xexak*: criptograma de Babilonia, polo método que consiste en ler as letras desde o lugar oposto na orde alfabética.
**51**, 42 *Mar*: ao revés do que acontece no v. 36, ten aquí o sentido mítico de elemento destrutor e caótico.

46Que non se vos intimide o corazón,
non teñades medo ás noticias
que se oen no país:
nun ano corre unha noticia,
despois disto noutro ano, outra noticia:
"Opresión no país,
un tirano contra outro tirano".

**Sétimo oráculo de castigo contra Babilonia e de liberación para Xudá**

47Pois ben! Velaí chegan os días,
nos que lles pedirei contas
aos ídolos de Babilonia,
e todo o seu país se avergonzará,
e todos os seus feridos de morte
caerán no medio dela.
48Entón cantarán sobre Babilonia
un canto de triunfo
o ceo e a terra e todo o que hai neles,
pois do norte vén cara a ela
o que a vai destruír
–é o Señor quen fala–.
49Certo, caerá Babilonia
por causa dos mortos de Israel,
así como por causa de Babilonia
caeron mortos do mundo enteiro.
50Os que escapedes da espada,
marchade e non vos deteñades,
desde lonxe invocade ao Señor,
que Xerusalén se afinque
no voso corazón.
51Sentimos a confusión
ao oír os insultos,
a vosa cara cubriuse de vergonza,
ao entraren estranxeiros
nos lugares santos
do templo do Señor.
52Pois ben! Velaí chegan os días
–é o Señor quen fala–
nos que lles pedirei contas
aos seus ídolos,
e os feridos queixaranse
en todo o seu país.
53Aínda que Babilonia suba ata o ceo,
aínda que faga máis esgrevia
a altura do seu refuxio,
baixo as miñas ordes
entrarán nela os devastadores
–é o Señor quen fala.

**Sétima lamentación pola caída de Babilonia**

54Alaridos de socorro
veñen desde Babilonia,
prantos angustiosos
desde o país dos caldeos.
55É o Señor que está
a destruír Babilonia,
que fai desaparecer dela todo grito.
Retumba o fragor das súas ondas
coma o mar océano,
resoa o tumulto dos seus gritos:
56é que vén contra ela, contra Babilonia,
o destrutor;
ela é a que fai romper os seus arcos,
pois o Señor é o Deus da retribución:
devolve ben ás claras.
57Eu emborracho os seus grandes
e os seus sabios,
os seus rexedores, os seus maxistrados
e os seus soldados:
durmirán un sono eterno,
e non espertarán
–oráculo do Rei que ten por nome
Señor dos Exércitos.

**Oitavo oráculo: castigo definitivo contra Babilonia**

58Así fala o Señor dos Exércitos:
As anchas murallas de Babilonia
serán arrasadas,
as súas altas portas serán queimadas.
Para nada traballaron as nacións,
para o lume cansaron os pobos.

**51**, 46 *Non se vos intimide o corazón*: pois o corazón, como sé dos plans e intencións, pode fraquear. As noticias refírense á usurpación do trono feita por Nabónid e ás súas reformas relixiosas contra a vontade dos babilonios, o mesmo ca os seus triunfos en Arabia.
**51**, 47-53 A sección consta de oráculos de castigo para Babilonia e os seus ídolos (vv. 47 e 49), e dun canto de triunfo con resonancias cósmico-universais (v. 48), así como das ordes do Señor de volver a Xerusalén (v. 50). O v. 51 mostra a acusación que prepara o anuncio de castigo dos vv. 52-53.
**51**, 47 *Velaí chegan os días*: expresión característica dos oráculos salvíficos (cf v. 42). Converte o oráculo de castigo para Babilonia en oráculo salvífico para Xudá e para as outras nacións sometidas aos caldeos (v. 48).
**51**, 50 *Se afinque*: lit. "suba", pois o corazón, como sé dos plans, era para os semitas algo elevado.
**51**, 51 Referencia á caída de Xerusalén no ano 587, lembrada polos deportados en liturxias penitenciais, no aniversario da data.
**51**, 54-57 Os vv. 54-56b conteñen a descrición da caída de Babilonia, en forma de lamentación; mentres que os vv. 56c-57 dan a interpretación teolóxica do feito.
**51**, 55 A referencia ás ondas e á mar oceánica, como imaxe dos berros de Babilonia, expresa o carácter caótico e mítico negativo da situación ("o mar" con resonancias do mito de Iam).
**51**, 57 *Emborracho*: cf nota ao v. 39.
**51**, 58 De feito este oráculo non corresponde á realidade histórica, pois Babilonia non foi arrasada, senón que se lle abriron as portas a Ciro. O oráculo vén significar que, o que para Babilonia significou de castigo, acabouse para sempre, e comeza un período de liberdade. Ao ser este o oitavo dos oráculos quere expresar estruturalmente a apertura a un novo período, definitivo e escatolóxico.

### Xesto simbólico de Xeremías contra Babilonia

[59]Este foi o encargo que lle ordenou o profeta Xeremías a Seraías, fillo de Nerías, fillo de Maseías, cando este marchou a Babilonia con Sedecías, rei de Xudá, no ano cuarto do seu reinado (Seraías era o xefe das provisións). [60]Xeremías escribira nun libro toda a desgraza que ía vir sobre Babilonia: todos estes oráculos escritos contra Babilonia. [61]Xeremías díxolle a Seraías: –Cando chegues a Babilonia trata de ler todos estes oráculos. [62]Entón dirás: "Señor, ti mesmo declaraches acerca deste lugar que os destruirías de tal xeito que non quedase nel habitante, nin home nin animais: volverase unha eterna ruína". [63]E cando acabes de ler este libro, haslle atar unha pedra e botaralo no Éufrates, [64]dicindo: "Deste xeito hase afundir Babilonia e non se levantará, por causa da desgraza que eu vou traer sobre ela".

Ata aquí chegaron os oráculos de Xeremías.

## APÉNDICE HISTÓRICO

### Sedecías de Xudá

**52** [1]Sedecías tiña vinte e un anos cando empezou a ser rei, e foi rei once anos en Xerusalén. Súa nai chamábase Hamital, filla de Xeremías, natural de Libnah. [2]Portouse mal ante o Señor, o mesmo que se portara Ioaquim. [3]Tal provocación da ira do Señor houbo en Xerusalén e Xudá, que El os botou de diante da súa presenza. Sedecías rebelouse contra o rei de Babilonia.

### Cae Xerusalén. Prendemento de Sedecías

[4]E sucedeu que no ano noveno do seu reinado, no décimo mes, o dez dese mes, veu Nabucodonosor con todo o seu exército contra Xerusalén; plantaron os campamentos fronte a ela, e por todo arredor construíron terrapléns de asedio contra ela. [5]A cidade quedou en estado de asedio ata o ano once do reinado de Sedecías. [6]No cuarto mes, o día nove, apertou a fame na cidade, de xeito que xa non tiñan pan nin os terratenentes. [7]Entón abriuse brecha na cidade e todos os combatentes fuxiron, saíndo da cidade de noite pola porta que estaba entre as dúas murallas, fronte ao xardín do rei, mentres os caldeos estaban a cercar a cidade; marcharon polo camiño da Arabah. [8]As tropas caldeas perseguiron ao rei e alcanzaron a Sedecías nas chairas de Iericó, mentres as súas tropas se dispersaban, abandonándoo. [9]Entón prenderon o rei e levárono a Riblah, na comarca de Hamat, onda o rei de Babilonia, quen ditou sentenza contra el. [10]O rei de Babilonia degolou os fillos de Sedecías ante os seus propios ollos, e tamén degolou en Riblah a todas as autoridades de Xudá. [11]O rei de Babilonia cegou a Sedecías e atouno con dúas cadeas de bronce, levouno a Babilonia e meteuno no cárcere ata o día da súa morte.

### Arrasamento de Xerusalén e roubos no templo

[12]No quinto mes, o dez do mes, do ano dezanove do reinado de Nabucodonosor, rei de Babilonia, entrou en Xerusalén Nebuzardán,

**51**, 59-64 Despois dunha datación que responde ao ano 599, momento no que Sedecías lle vai explicar a Nabucodonosor o porqué da visita dos reis veciños de Xudá a Xerusalén (cf **27**, 3), e demais circunstancias (v. 59), o redactor quere deixar claro que a caída de Babilonia se debe ao dinamismo das palabras proféticas proferidas en Babilonia contra ela: verdadeira acción profética, reforzada coa de tirar o libro no Éufrates de xeito que se afunda, como se afundirá Babilonia.

**51**, 60 A intención do redactor é a de presentar a autoría xeremiana, ao menos de parte dos oráculos dos cc. **50**-**51**, cousa que, para a primeira parte, é moi probable, non tanto para a segunda.

**51**, 62 Este v. é unha oración na que se expresa a fe no dinamismo da palabra de Iavé contra a cidade opresora, e que tivo que animar as esperanzas dos piadosos desterrados.

**51**, 64 *Chegaron*: o sentido do termo hebreo é o de correr, subir, e aquí, mellor aínda, chegar. Esta conclusión quere separar o carácter de apéndice de Xer **52**.

**52**, 1-34 Os redactores do libro de Xer acabaron a súa obra con este texto, collido de 2 Re **24**, 18-**25**, 30, con algunhas variantes. A versión dos LXX ofrece certas diferenzas respecto do hebreo, ao faltar os vv. 2. 3. 15. 17b-30 do texto hebreo. A intención deste apéndice é presentar o cumprimento das palabras proféticas tanto das de castigo (vv. 4-30) coma das salvíficas (vv. 31-34).

**52**, 1 *Súa nai*: referencia á guebirah, título e función da nai do rei, característica do reino de Xudá, e que nos dá fundamento histórico-teolóxico da marioloxía do N. T. O avó de Sedecías é homónimo do profeta e natural de Libnah, ao SL de Xudá.

**52**, 4 A data corresponde ao final de decembro do 589.

**52**, 6 Esta data corresponde a comezos de xullo do 587. *Terratenentes*: lit. "pobo", ou "forza da terra"; pero o sentido é o de propietarios de terras.

**52**, 10-11 Estas prácticas están confirmadas polos documentos da época e polos baixorrelevos conmemorativos das vitorias asirias e caldeas.

**52**, 12 A data responde ao mes de xullo do ano 587. Nebuzardán aparece de primeiro nas listas de altos funcionarios caldeos, co nome Nebu-zer-iddín (= Nebu deu unha prosperidade). Nebu era unha divindade caldea.

xefe da garda e membro do servizo persoal do rei de Babilonia. [13]Púxolles lume ao templo do Señor, ao palacio do rei e a todas as casas de Xerusalén: todas as casas grandes queimounas. [14]As tropas dos caldeos, que estaban co xefe da garda, botaron abaixo todas as murallas que había ao redor de Xerusalén. [15]Nebuzardán, xefe da garda, levou cativos a unha parte da xente humilde do pobo, ao resto do pobo que se quedara na cidade, aos desertores que se pasaran ao rei de Babilonia e ao resto dos artesáns. [16]Outra parte da xente humilde deixouna quedar Nebuzardán, xefe da garda, para que traballasen as viñas e arasen as terras.

[17]Os caldeos fixeron anacos as columnas de bronce, que había no templo do Señor, os pedestais e o mar de bronce, que había no templo do Señor, e levaron todo o bronce de Babilonia. [18]Tamén colleron as olas, as pinzas e as tenaces de avivar o lume, os caldeiros e os cazos para as aspersións e todos os demais utensilios de bronce que se empregaban no culto. [19]O xefe da garda tamén colleu as barreñas, os braseiros, os caldeiros para as aspersións, e as bandexas das ofrendas, tanto de ouro coma de prata. [20]Tendo en conta as dúas columnas, o único mar, os doce bois en bronce, que estaban debaixo dos pedestais, que fixo o rei Salomón para o templo do Señor, é incalculable o peso do bronce de todos estes obxectos. [21]En canto ás columnas, cada unha medía de alto dezanove cóbados, cinguíaa ao arredor un cordel de doce cóbados, e o seu espesor era de catro dedos, pois eran ocas. [22]Sobre cada unha delas había un capitel de bronce, e a altura dun capitel era de cinco cóbados; sobre toda a superficie do capitel había unha rede e milgrandas, todo de bronce; na segunda columna había cousas coma estas e milgrandas. [23]As milgrandas eran noventa e seis en baixorrelevo; o total das milgrandas de todo o arredor en altorrelevo entre a rede eran cen.

### Execucións e deportacións

[24]O xefe da garda colleu a Seraías, sumo sacerdote, a Sefanías, segundo sacerdote, e a tres gardas da entrada. [25]Tamén colleu na cidade a un eunuco que era o inspector da tropa e a sete homes do servizo persoal do rei, que se atopaban na cidade, ao secretario do xefe do exército, que recrutaba para o exército aos terratenentes, e a sesenta homes de entre os terratenentes, que se atopaban na cidade. [26]Nebuzardán, xefe da garda, prendeunos e levounos a Riblah, ao rei de Babilonia. [27]O rei de Babilonia castigounos, e logo condenounos á morte en Riblah, comarca de Hamat; deportou a Xudá da súa terra. [28]Esta foi a poboación que deportou Nabucodonosor no ano sétimo: tres mil vinte e tres xudeus; [29]no ano dezaoito de Nabucodonosor, deportou de Xerusalén oitocentas trinta e dúas persoas, [30]no ano vinte e tres de Nabucodonosor, deportou Nebuzardán, o xefe da garda, setecentas corenta e cinco persoas, o que fai un total de catro mil seiscentas persoas.

### Liberación do rei Ioaquín

[31]No ano trinta e seis da catividade de Ioaquín rei de Xudá, o mes décimo segundo, o vinte e cinco deste mes, Evil-Merudak, rei de Babilonia, no ano da súa entronización, concedeulle o indulto a Ioaquín. [32]Falaba con el amigablemente; colocou o seu trono por riba do trono dos reis que estaban con el en Babilonia; [33]cambioulle os seus vestidos da prisión e comía na súa mesa todos os días da súa vida. [34]A súa comida, a de cada día, dábaselle coa do rei de Babilonia: a ración do día ata o día da súa morte, todos os días da súa vida.

**52**, 18 *Tenaces*: por paralelismo con pinzas, teñen que ser "tenaces para avivecer o lume".
**52**, 20 É incalculable... obxectos: lit. "non hai peso para o bronce destes obxectos".
**52**, 23 *En baixorrelevo*: lit. "para intuír", "en insinuación", oposto ao altorrelevo expresado coa preposición "sobre", "por riba". O sentido simbólico das *milgrandas* énos descoñecido.
**52**, 26 *Riblah*: a actual Rablé, na fronteira entre o Líbano e Siria, onde tiña o seu cuartel xeral o rei caldeo no occidente (cf **39**, 5; 2 Re **25**, 6. 20-21).
**52**, 29 Esta deportación do ano 598 debeu ser con motivo das campañas contra os moabitas e amonitas, das que fala Xosefo (Ant. Xud. **10**, 9. 7).
**52**, 30 Para os babilonios, que nos ofrecen estas datas, o tempo que queda do ano da entronización non se contaba como un ano: por isto hai un ano menos respecto ao cómputo dos xudeus. O número de deportados é mais pequeno ca o de 2 Re **24** e **25**, pois os caldeos debían contar soamente os personaxes importantes.
**52**, 31 A data é o ano 561 e o rei Evil-Merudak era fillo e sucesor de Nabucodonosor. Esta liberación e dignificación de Ioaquín é redaccionalmente un símbolo do cumprimento en Israel e Xudá das promesas salvíficas que se viñeron desenvolvendo nos cc. **50-51**.

# INTRODUCIÓN AO LIBRO DAS LAMENTACIÓNS

## 1. Título e forma literaria

*Esta pequena obra, composta de cinco capítulos, figura na Biblia hebrea entre os "Rolos" (heb. Meguillot), que se lían nas cinco principais festas xudías, o que fai pensar nunha orixe e destino fundamentalmente litúrxicos. Na Biblia hebrea chámase ekah (Ah, como!), exclamación característica coa que comezan os cantares de lamentación colectiva (cf* ***1****, 1;* ***2****, 1;* ***4****, 1). Pero a antiga tradición xudía deulle a este rolo o título de* Lamentacións*, que puido ser o nome orixinal, reflectido na versión dos LXX e na Vulgata.*

*Debido ás referencias á autoría do profeta Xeremías, na Biblia dos LXX, Vulgata e versións Sirias, as Lamentacións copiáronse despois de Xeremías, mentres que na Biblia hebrea figuraron entre os chamados "rolos", por teren un uso litúrxico o día 9 do mes de Ab (xullo-agosto). A obra componse de cinco capítulos, que conteñen cadansúa unidade literaria pechada, tal como o deixa ver a súa forma de composición acróstica e alfabética nos catro primeiros capítulos e a mesma estrutura literaria no último capítulo. A composición acróstica e alfabética consiste en que cada un dos versos da estrofa empeza por unha letra hebrea, seguindo a orde do alefato, o abecedario hebreo. Dáse unha excepción, ao inverter a orde das letras "ain" e "pé" (****2****, 16-17), cousa que, segundo as lousas ugaríticas, responde á distinta orde do alfabeto ugarítico, cananeo, e loxicamente hebreo antigo.*

*A comezos deste século pensouse nunha intención máxica no uso acróstico do alefato; pero despois de atopar isto mesmo en ugarítico cunha finalidade de fixación memorística, viuse nesa forma literaria bíblica unha intención semellante á que tiña en Ugarit.*

## 2. Xénero literario

*O A. T. coñece tres tipos de lamentacións: 1) a lamentación fúnebre por un parente ou amigo (cf 2 Sam* ***1****, 17;* ***2****, 33; Xer* ***9****, 17; Am* ***5****, 16-17), que se acompañaba con instrumentos musicais, especialmente coa frauta (cf Mt* ***9****, 23), sen referencia explícita a Deus; 2) a lamentación individual, na que o individuo presenta angustiosamente a Deus o seu problema, e, cheo de confianza, espera a súa resposta, no momento dos sacrificios da mañá ou da tarde: e 3) a lamentación colectiva, que tiña lugar na celebración penitencial do xaxún. Exprésase nela a situación de calamidade colectiva, en choros, gritos, fame, levantando as mans cara ao ceo ou cara ao santuario, rachando os vestidos, espíndose e envorcándose no chan. Con todo isto, como final da conversión espérase que Deus se compadeza do pobo, ao mesmo tempo que o pobo profesa a súa única esperanza en Iavé, con ardentes súplicas, e comprométese a ser fiel á Alianza. Nestas liturxias interveñen os profetas, como se ve en Xer* ***9****, 7-22;* ***10****, 18-19;* ***14****, 2-6; Am* ***5****, 2..., e en especial os profetas cúlticos, autores dunha serie de salmos (****74****.* ***79****.* ***80****.* ***89****...). A primeira noticia histórica de lamentación colectiva aparece en 1 Re* ***21****, 9 (anos 874-853).*

*Os cinco cantares do libro son todos eles lamentacións colectivas, compostas para conmemorar o aniversario do incendio e caída do templo e da cidade de Xerusalén o nove de Ab do 587/6. Non obstante, algúns intérpretes descompoñen o capítulo* ***3*** *en seccións de lamentación individual e seccións de lamentación colectiva.*

*O ambiente no que naceron estas lamentacións foi a liturxia penitencial colectiva que se continuou celebrando despois da caída de Xerusalén nas ruínas do templo (cf Xer* ***41****, 5s; Zac* ***7****, 1ss;* ***8****, 18-19). Exemplos de lamentacións colectivas para conmemorar a destrución dun templo ou cidade, aparecen en sumerio sobre o santuario de Ur, onde o oráculo que se espera e se dá é semellante a* ***4****, 22, amais doutros moitos paralelos na lamentación propiamente dita.*

## 3. A situación histórica e o autor

3.1. *A situación histórica que deu orixe a estas lamentacións foi a caída da cidade e do templo no ano 587/6 e non tanto a primeira deportación do 598, pois as expresións empregadas aluden á cidade deserta, á falta de culto, á fame e atrocidades inhumanas dos asediados na cidade, ao derrubamento das portas, ao rei e xefes (= príncipes) exiliados, ao fracaso das alianzas con Exipto, á persecución dos fuxidos. Todos estes datos fan considerar como a máis doada a devandita situación histórica.*

3.2. *O dato bíblico de que Xeremías compuxo unha lamentación fúnebre á morte de*

*Ioxías, e de que a súa e as dos cantores e cantoras están escritas entre as Lamentacións (2 Cro **35**, 25), levou á tradición xudía e cristiá a atribuír o libro canónico das Lamentacións a Xeremías, cando en realidade non aparece tal lamentación fúnebre á morte de Ioxías neste libro. A citada referencia ten que aludir a un rolo de lamentación perdido. O feito resultante de aquí é que, tanto os encabezamentos de Lamentacións nos LXX, Vulgata e Siríaco, como a tradición xudía e cristiá antiga (Oríxenes, S. Hilario, S. Epifanio, S. Xerome), atribuían as Lamentacións a Xeremías, e puxéronas inmediatamente despois do libro de Xeremías.*

*É verdade que existen certos contactos literarios entre Xer e Lam, tales como "a virxe, filla de Sión" (Lam **1**, 15; **2**, 13 = Xer **8**, 21; **14**, 17); "o xugo posto no pescozo" (Lam **1**, 14 = Xer **27**, 2); "os ollos que chorrean auga" (Lam **1**, 16; **2**, 11. 18; **3**, 48. 49 = Xer **9**, 1. 18; **13**, 17; **14**, 17), pero estas expresións son imaxes literarias normais na literatura hebrea e cananea.*

*Por outra banda, resulta imposible que Xeremías se sorprenda da caída do templo e da cidade, pois esta foi a súa ameaza profética, tan angustiosa como firme e convencida (Lam **1**, 10; **2**, 6-7); e resulta sorprendente que fale da gloria de Sión e do templo nos termos de Lam 4, 1, e que espere algo positivo das alianzas coas nacións (Lam **5**, 6). Tamén resulta estraña a afirmación de que o mal que aflixe aos israelitas é consecuencia do pecado de seus pais (v. 7).*

*O autor de Lamentacións tivo que ser unha persoa pertencente aos círculos proféticos e cúlticos do templo de Xerusalén, que escapou da deportación a Babilonia. Xeremías non puido ser o autor de Lam, pois logo da caída de Xerusalén estivo afastado, morrendo no deserto de Exipto. Ademais, o autor do devandito libro considera xustos os profetas e sacerdotes (cf **4**, 13. 16 e nota), que foran precisamente os maiores adversarios dos oráculos de Xeremías.*

## 4. A teoloxía de Lamentacións

*A teoloxía desta obra parte da análise duns feitos (incendio do templo, caída da cidade e deportacións da dinastía davídica) que contradín os principios teolóxicos da elección divina de Sión e da dinastía davídica, que pertencen ás tradicións teolóxico-proféticas máis antigas do reino de Xudá. A piedade xudía apoiábase moito nestes principios, e celebrábaos no culto (cf Sal **48**, 2-14; **76**, 2-4), lembrando gozosa a prodixiosa retirada do asedio de Senaquerib, nos tempos de Ezequías. A presenza de Deus no templo de Sión, convertía a cidade en inexpugnable: de aquí a reacción ante os oráculos de Xeremías, e a fe iavista nun grupo de desterrados (cf Ez).*

*O autor de Lamentacións ten soamente unhas oracións de imprecación ao final das lamentacións (**1**, 21c-22; **2**, 22a; **3**, 64-66; **4**, 22b). A súa resposta profética ante os males é considerar a Deus como o autor desta destrución, provocada polo pecado do pobo (**1**, 5b. 8. 12c-14; **2**, 1-9. 17; **3**, 1-18. 34-36. 42-45; **4**, 16; **5**, 16); o pecado cometido contra os sacerdotes e profetas (**4**, 13. 16); o pecado dos falsos profetas (**2**, 14), o pecado da cidade (**1**, 8. 14), o de consentir nela as inxustizas (**3**, 34-36), e o de verter sangue inocente (**4**, 13).*

*Para que melloren as cousas, chámase o pobo á conversión (**3**, 40-41), e pídeselle a Deus (**5**, 21), que pode mover os corazóns.*

*Deste xeito, busca o pobo a restauración da súa vida, nunha perspectiva escatolóxica, que está implícita en **1**, 9c. 11c; **2**, 20; **3**, 55-59; e explícita en **4**, 22; **5**, 21-22.*

*A liturxia católica latina emprega estes textos na liturxia da Semana Santa para vivir o drama do Calvario coa esperanza da restauración, da que xurdirá o auténtico templo de Deus: o corpo de Xesús Cristo resucitado.*

# LIBRO DAS LAMENTACIÓNS

## Primeira lamentación

**1** Alef [1]Ah, como senta soíña a cidade, señora dun pobo!
Está coma unha viúva, a señora dos pobos,
a princesa das cidades está en traballos forzados.

Bet [2]Chora, chora, durante a noite,
e as súas bágoas están sobre a súa meixela.
De entre todos os seus amantes non ten un que a console,
todos os seus amigos a traizoaron, volvéronselle inimigos.

Guímel [3]Xudá foi á catividade despois da humillación e da moita servidume.
Ela, que reinaba entre as nacións, non atopa lugar de descanso.
Todos os que a perseguen pódena coller entre as cercas.

Dálet [4]Os vieiros de Sión están de loito, por non haber quen vaia á festa.
Todas as súas portas están desoladas, choran os seus sacerdotes,
as súas mozas están aflixidas; ela mesma ten amargura.

He [5]Os seus opresores están vitoriosos, os seus inimigos están felices,
pois o Señor aflixiuna pola multitude das súas rebeldías.
Os seus meniños van á catividade diante do inimigo,
Vau [6]e sairá da filla de Sión todo o seu esplendor.
Os seus príncipes son coma corzos que non atopan pasteiro,
e camiñan sen forzas diante do perseguidor.
Zain [7]Xerusalén conmemora os días da súa humillación, a perda da súa patria,
a falta de todas as preciosidades que tivo desde antigo,
cando o seu exército caía no poder do inimigo sen que ninguén lle axudase.
Vena os inimigos e rin da súa desaparición.

Het [8]Pecou, pecou Xerusalén, por isto vólvese cousa abominable.
Todos os que a honraban, desprézana, pois están vendo a súa nudez.
Ela chora en voz alta e vírase de costas.

**1**, 1-22 Esta unidade literaria, tal como se deduce da súa estrutura acróstica e alfabética, está composta de dúas partes: a) vv. 1-11b, onde o poeta describe a situación de Xerusalén, presentada baixo a imaxe tradicional da matrona; e b) vv. 11c-22 onde é a mesma Xerusalén quen fala, empregándose por iso a primeira persoa. Hai que exceptuar da primeira parte o v. 9c, no que fala Xerusalén en primeira persoa en ton de oración; e da segunda, o v. 17, no que se fala da actitude orante de Xerusalén e da negativa de Deus a escoitar a súa oración. A razón destas excepcións, está no interese por resaltar a culpabilidade de Xerusalén e dos conseguintes choros que son oracións (v. 9c). No v. 16 fálase dos choros aos que non responde o consolador; e este contraste é o que remarca o v. 17 en ton descritivo, preparando deste xeito o recoñecemento da xusta actuación de Deus ao castigar as rebeldías de Xerusalén.
Traducimos os perfectos hebreos por presentes galegos, pois o perfecto hebreo expresa unha acción acabada que segue presente nos resultados da mesma.
**1**,1 *Ah, como...!:* expresión que traduce un termo introdutorio característico das lamentacións (cf **2**, 1; **4**, 1s; Is **1**, 21; Xer **48**, 17). *Senta* mantén as resonancias rexias de sentar no trono, como o indican os títulos "señora dun pobo", "señora de pobos" e "princesa". Nótese o contraste angustioso destes títulos con "soíña", "viúva", e estar "en traballos forzados".
**1**, 2 *Os amantes* e *amigos* son os pobos aliados (Exipto), que agora se volven inimigos. *Consolar* inclúe funcións xurídicas e efectos salvíficos (cf Sal **71**, 21; **86**, 17; Is **12**, 1; **40**, 1).
**1**, 3 *Despois da humillación...* A humillación e a moita servidume alude aos fortes impostos cos que gravaron os babilonios o Reino de Xudá. *Os que a perseguen* son probablemente os edomitas, que se dedicaron á pillaxe despois da caída de Xerusalén.
**1**, 4 *As portas* da cidade era o lugar onde se celebraban os tratos e os xuízos, e onde se facía o mercado.
**1**, 5 *Vitoriosos* (lit. "á cabeza"). Traducimos así por ser a cabeza o asento do dominio e da autoridade.
**1**, 7 O segundo verso é probablemente unha glosa posterior (aínda que figura nas traducións antigas) pois rompe o número de versos da estrofa. *Conmemora*: pois non é un simple recordo, senón unha nova actualización litúrxica.
**1**, 8 O pecado tráelles aos hebreos o fracaso, pola reacción divina ante unha ofensa que lle fai o pobo. *A nudez* da Señora-Xerusalén é a falta de protección, de axuda e de dereitos.

Tet [9]A súa impureza estaba nas súas saias, non se decataba
do que lle viña enriba.

Si, caeu desastradamente; non hai quen a console.
"Olla, Señor, para a miña miseria. Como a aumenta o inimigo!".
Iod [10]O opresor estendeu a súa man sobre as cousas apetecidas.
Si, ve como os xentís entran no seu santuario, si,
aínda que ti mandaches que non entrasen na túa asemblea.
Kaf [11]Todo o seu pobo se lamenta, busca pan,
entregan as súas alfaias por comida para cobrar folgos.

"Olla, Señor, fíxate ben. Que miserable estou!".
Lámed [12]Fixádevos ben, todos os que pasades polo camiño!,
observade e ollade, se hai pena como a miña pena,
coa que o Señor me aflixiu no día da súa ira.
Mem [13]Mandou un lume do ceo e fíxoo caer sobre os meus ósos.
Estendeu unha rede aos meus pés e fíxome volver para atrás.
Deixoume desolada, todos os días na impureza.
Nun [14]Xa está formado o xugo que as miñas rebeldías
consolidaron na súa man.
O seu xugo está sobre o meu pescozo, fai tropezar as miñas forzas.
O Señor sométeme ao xugo, non aguanto de pé.
Sámek [15]O Señor botou do medio de min a todos os meus valentes.
Convocou contra min a asemblea, para esnaquizar os meus soldados;
pisou o Señor no lagar á virxe, filla de Xudá.
Àin [16]Por isto eu estou chorando, e o meu ollo é unha fonte,
porque está lonxe de min o consolador, o que me devolve o alento.
Os meus fillos están desolados, porque o inimigo é forte.
Pé [17]Sión estende as súas mans, non ten quen a console.
O Señor ordena aos veciños de Xacob que sexan os seus inimigos.
Xerusalén vólvese cousa abominable entre eles.
Sade [18]O Señor é xusto, porque eu me rebelei contra a súa palabra.
Escoitade, pobos todos, e ollade a miña dor:
as miñas mozas e os meus mozos foron á catividade.
Qof [19]Chamei aos meus amantes, pero eles traizoáronme.
Os meus sacerdotes e os meus profetas faleceron na cidade.
Si, buscade comida para nós, para devolvernos os folgos.
Rex [20]Olla, Señor, como estou angustiada: ferven as miñas entrañas.
O meu corazón retórcese dentro de min, por culpa da miña rebeldía.
Fóra, a espada deixa sen fillos; na casa está a mesma morte.

**1**, 9a Ao concluír as alianzas políticas con outras nacións (impurezas que están nas saias), non imaxinaba o pobo o que lle ía vir enriba. O verso remata esta primeira parte cunha oración.
**1**, 10 *As cousas apetecidas*. Tales cousas, de ámbito sexual, están en relación co santuario de Xerusalén, cousa nada estraña, tendo en conta a concepción sagrada do sexo.
**1**, 11 *Folgos* (heb. "néfex" ) ten aquí o sentido de alento, esperanza de vida, vida.
**1**, 12 *Da súa ira*: lit. "do incendio da súa ira". *A miña pena*: lit. "a miña pena que me foi inflixida".
**1**, 13 O *lume* que queima os ósos (Xer **20**, 9) deixa a persoa sen esperanza humana de vida feliz (cf Ez **37**, 1ss). *Na impureza* (lit. "menstruante"). Implica unha distancia entre marido e muller (entre Deus e o pobo), pois coa muller menstruante non se podía ter relación sexual.
**1**, 14 *O seu xugo*. O xugo que o Señor lles impón é a submisión total aos babilonios.
**1**, 15 *Asemblea*: é a tropa de Babilonia presentada como unha asemblea cúltica en festa.
**1**, 16 Os ollos aquí son fontes, o mesmo que reflicten as expresións galegas: "o ollo da fonte", "ten unha fonte nun ollo..." O pranto era unha das expresións máis características da lamentación.
**1**, 17 Estender a man era sinal ritual da súplica na oración, como segue sendo na liturxia católica.
**1**, 18 A oración chega aquí ao seu cume teolóxico: recoñecemento do xusto actuar de Deus e confesión do propio pecado como rebeldía contra Deus. *A súa palabra*: lit. "a súa boca".
**1**, 19 *Folgos*: cf v. 11 e nota. A tradución grega engade ao final do v. "pero eles non se atopan".
**1**, 20 A situación de angustia descríbese con referencia aos sentimentos (que se asentan nas entrañas), e aos plans de Deus (asentados no corazón), pois a rebeldía de Xerusalén contra Deus e a correspondente mortaldade provocan sentimentos de culpabilidade persoal e de compaixón e dor, que traen bágoas.

Xin 21 Escoitade como choro eu; non teño quen me console.
Todos os meus inimigos escoitaron a miña desgraza,
alegráronse de que ti o fixeses.
Fai ti vir o día que proclamaches e volveranse igual ca min.
Tau 22 Toda a súa maldade veña á túa presenza e trátaos a eles
tal como me trataches a min por todas as miñas rebeldías.
Certo, os meus prantos son moitos, e o meu corazón é un noxo.

**Segunda lamentación**

**2** Alef 1 Ai! O Señor coa súa ira envolveu en nubes á filla de Sión.
Tirou por terra desde o ceo o esplendor de Xerusalén.
Si, no día da súa ira, non se acordou do estrado dos seus pés.
Bet 2 O Señor devorou, sen ter compaixón, todos os pasteiros de Xacob,
destruíu co seu anoxo as prazas fortes da casa de Xudá,
derrubou na terra e profanou o seu reino e os seus príncipes.
Guímel 3 No ardor da súa ira arrincou todo o poder de Israel,
fixo volver para atrás a súa dereita, lonxe da presenza do inimigo,
e incendiou a Xacob con lume flamexante, que devora todo arredor.
Dálet 4 Tensou o seu arco coma un inimigo, puxo en posición a súa dereita,
coma un adversario matou a todos os que antes eran preciosos aos seus ollos,
tamén na tenda da filla de Xudá verteu o lume da súa ira.
He 5 O Señor mesmo foi o inimigo que devorou a Israel,
destruíu todos os seus pazos, arrasou as súas prazas fortes
e multiplicou na filla de Xudá o choro e o lamento.
Vau 6 Arremeteu violentamente contra a súa tenda coma contra un escudo,
destruíu a tenda do seu encontro,
o Señor fixo esquecer en Sión festas e sábados,
e rexeitou co furor da súa ira ao rei e ao sacerdote.
Zain 7 Profanou o Señor o seu altar, desprezou o seu santuario,
abandonou no poder do inimigo as paredes dos pazos de Xudá.
Lanzouse un berro no templo do Señor coma nun día de lamentación.
Het 8 Decidiu o Señor destruír a muralla da filla de Sión.
Estendeu o cordel (a súa man), non apartou a destrución.
El fixo que o terraplén e a muralla dobrasen, derrubáronse a un tempo.
Tet 9 As súas portas afundíronse debaixo da terra,
os seus ferrollos desfixéronse e romperon,
o seu rei e os seus príncipes están entre os pagáns.
Non hai oráculo ningún.
Tampouco os seus profetas atopan revelación do Señor.

**1**, 21-22 A única saída a esta situación é suplicar a chegada do día do Señor, no que El lles devolverá ás nacións as calamidades que agora lle inflixen a Xerusalén.

**2**, 1-22 Esta segunda lamentación, divídese en tres partes: a) vv. 1-12. Dáselle un repaso á desolación provocada pola acción destrutora do Señor. Soamente aparece a actitude persoal do profeta orante no v. 11; polo demais, trata de resaltar os estragos provocados nos rapaciños e meniños. b) Os vv. 13-19 presentan o testemuño persoal do autor en beneficio de Xerusalén, que poida levar á súa curación. Así, denuncia aos falsos profetas (v. 14), presenta o testemuño dos que pasan polo camiño (v. 15) e o dos mesmos inimigos (v. 16), e mesmo o que dera o Señor noutros tempos (v. 17), para rematar co do propio autor, no que invita a Xerusalén á participación na liturxia penitencial (vv. 18-19). c) Os vv. 20-22 recollen a oración da liturxia penitencial: chamada de atención a Deus, polos feitos que están acontecendo, e oración imprecatoria de vinganza contra os inimigos destrutores.

**2**, 1 *Envolveu en nubes*. Posto en paralelo con "tirou... o esplendor de Xerusalén", ten o sentido de cubrir de escuridade. *Xerusalén* (= filla de Sión) é o estrado dos pés de Iavé, por mor do templo.

**2**, 2 *Os pasteiros* fan referencia ao pastoreo, que é unha imaxe tradicional semítica e grega da realeza.

**2**, 3 *Arrincou todo o poder*: lit. "cortou todo o corno de Israel" (cf nota ao v. 17).

**2**, 4 O suxeito destes verbos é o Señor.

**2**, 6 *A tenda* e "*a tenda do seu encontro*" son alusións a Ex **30**, 16. 18. 26..., e refírense ao templo de Xerusalén.

**2**, 8 *Estender o cordel*, aínda que nalgúns contextos ten o valor de edificación, aquí ten o sentido de destrución (cf 2 Re **21**, 13; Is **34**, 11), pois é o cordel para nivelar o que se arrasa, aínda que coa perspectiva de reedificación futura.

**2**, 9 *Debaixo da terra*: "Ares" ten aquí o valor do que está debaixo do chan. Oráculo (heb. "torah)", refírese aquí ás sentenzas ou fallos dados polos sacerdotes nos xuízos ou consultas. O verso cuarto desta estrofa rompe o ritmo ternario de toda a unidade, debe ser unha glosa moi antiga, que anticipa nesta sección o v. 14.

Iod [10]Os anciáns da filla de Sión están sentados no chan, choran,
botan po sobre a cabeza, vístense de saco,
as mozas de Xerusalén abaixan a cabeza ata a terra.

Kaf [11]Os meus ollos consómense en bágoas, férvenme as entrañas,
o meu humor está polo chan, por causa da ruína da filla do meu pobo,
cando vexo os rapaciños e os meniños de peito que esmoreceren
nas prazas da cidade.
Lámed [12]Dinlles ás súas nais: "Onde está o pan e mais o viño?",
mentres quedan sen folgos, asasinados, nas prazas da cidade,
mentres expiran no seo das súas nais.

Mem [13]Que testificarei a teu favor? Con que te compararei, filla de Xerusalén?
A que te asemellarei para consolarte, virxe, filla de Sión?
É grande, grande coma o mar a túa ruína! Quen te curará?
Nun [14]Os teus profetas proclaman como revelacións a falsidade e a impostura,
non denuncian a túa culpa para que poidas volver da catividade.
Si, anúncianche como revelación oráculos de falsidade e sedución.

Sámek [15]Todos os que pasan polo camiño baten as palmas contra ti,
asubían e moven a cabeza cara a ti, filla de Xerusalén:
"Esta é a cidade da que se debería dicir: fermosura perfecta,
alegría de toda a terra".
Pé [16]Abren a súa boca contra ti todos os teus inimigos,
asubían e renxen os dentes, din: "Tragámola!".
Ah, este é o día que esperabamos: xa chegou, xa o vemos!

Ain [17]O Señor fixo o que se propuxera, cumpriu o seu dito,
o que El mandou desde os tempos antigos. Destruíu e non tivo compaixón.
O teu inimigo alegrouse de ti, ergueuse o poder dos teus adversarios.
Sade [18]Que o teu corazón lle pida axuda ao Señor, porque lle falta
a muralla á filla de Sión:
Verte lágrimas coma un río de día e de noite.
Non cedas ante o teu cansazo! Que non descanse a meniña dos teus ollos!
Qof [19]Levántate, berra durante a noite, ao comezo do cambio da garda.
Verte como auga os teus coidados diante da presenza do Señor.
Levanta cara a El as túas palmas, pola vida dos teus meniños,
que están esmorecidos de fame nas praciñas de todas as rúas.

Rex [20]Olla, Señor, e considera a quen tratas deste xeito:
as mulleres teñen que devorar os seus fillos, os meniños que aínda maman!
O sacerdote e o profeta son asasinados no templo do Señor!
Xin [21]O rapaz e o vello déitanse por terra nas rúas;
as miñas mozas e os meus mozos caen pola espada.
No día da túa ira asasinas e degolas sen teres compaixón.

**2**, 10 É unha descrición da liturxia de lamentación colectiva, referida aos anciáns e ás mozas.
**2**, 11 Tanto as entrañas coma o humor (lit. "o fígado") son o lugar de asento dos sentimentos. Por iso din os ugaritas que "as bágoas saen do fígado".
**2**, 12 *Expiran*: lit. "o seu alento vérteselles", pois para os semitas a vida está no sangue e no alento (cf Xén **2**, 7).
**2**, 15 *Bater as palmas*, asubiar e mover a cabeza, son xestos de depresión: por iso os que pasan polo camiño non son inimigos, senón piadosos xudeus, que se senten defraudados coa actitude dos dirixentes.
**2**, 17 *Poder*: lit. "o corno", símbolo do poder.
**2**, 18 *O teu corazón* significa aquí a decisión da vontade reflexiva do pobo. Xerusalén vén simbolizada por unha muller, a filla de Sión.
**2**, 19 *Os teus coidados* (lit. "o teu corazón"). Todos os xestos dos vv. 18-19 son propios da liturxia penitencial. O último verso desta estrofa rompe o ritmo ternario, polo que se considera unha glosa (cf v. 11), aínda que antiga, pois aparece no texto dos LXX.
**2**, 20-21 O máis importante da oración de lamentación é o informe sobre o calamitoso estado do pobo.

Tau 22Convocarás a todos os que me encheron de pavor, coma no día da asemblea,
pois no día da ira do Señor non houbo fuxido nin escapado:
o meu inimigo acabou cos que eu alimentei e criei.

**Terceira lamentación**

**3** Alef 1Eu son o home que probou a humillación, o pau da ira do Señor.
2Conduciume e fíxome camiñar na escuridade e non na luz.
3Si, volve e revolve todos os días contra min a súa man.
Bet 4Consome a miña carne e a miña pel, rompe os meus ósos.
5Crea a miña ruína e asedia a capital e a súa altura.
6Faime morar nas tebras coma os mortos dos tempos pasados.
Guímel 7Encérrame cun muro arredor e non podo saír,
volve pesada a miña cabeza.
8Clamo en voz alta e pido axuda; El córtalle o paso á miña oración.
9Pecha o meu camiño con pelouros, volve intransitables
as miñas corredoiras.
Dálet 10El é para min o oso que axexa, o león nos escondedoiros,
11que dá voltas arredor dos meus camiños para esnaquizarme
e volverme unha desolación.
12Tensa o seu arco e faime ser o branco das súas frechas.
He 13Fai entrar nos meus riles os dardos da súa alxaba.
14Eu son a burla para todos os pobos, a súa copla de cada día.
15Fártame de amargura e emborráchame de asente.
Vau 16Límame os dentes con croios, esmágame contra o chan.
17Afasta a miña vida da fartura, esquézome da felicidade,
18e digo: "Acabouse a miña superioridade e a miña esperanza no Señor".

Zain 19Lémbrate da miña miseria e do meu desterro, que son asente e veleno.
20Lémbrate de que a miña culpa está mandando ao abismo a miña vida.
21Isto traio no meu corazón, por isto teño esperanza:
Het 22as bondades do Señor non se acabaron
nin tampouco desapareceron as súas misericordias,
23pois son novas cada mañá, a túa fidelidade é grande.
24O Señor é o quiñón da miña herdanza –di o meu corazón–,
por isto teño esperanza nel.

**2**, 22 *Convocarás*: chamada aos inimigos de Xerusalén, para realizar con eles a vinganza dos seus crimes e sacrilexios.
**3**, 1-66 Consideramos todo este conxunto como unha lamentación colectiva, coa seguinte estrutura:
vv. 1-18: Lamentación en primeira persoa singular, pero con significación colectiva; vv. 19-39: reflexión na que, partindo do recoñecemento da propia culpabilidade do pobo, se lle dan ao pobo esperanzas no Señor; vv. 40-42: invitación á conversión interior; vv. 43-54: lamentación colectiva (os vv. 43-51 en forma "nós"; e os vv. 52-54, en forma "eu"); vv. 55-63; proclamación da boa acollida da oración e da liberación de Deus; vv. 64-66: oración imprecatoria contra os inimigos.
**3**, 1 *Probou*: lit. "viu", co valor de experimentar.
**3**, 4 A *carne* é asento do pracer; a *pel* é o esplendor da persoa; e os *ósos*, a raíz máis íntima da esperanza de vida e de pracer. Desde o v. 3 case todos os verbos están en perfecto, aínda que os traducimos por presentes (cf nota a **1**, 1-22).
**3**, 5 Outros traducen: "crea contra min", para asediarme, veleno e dificultades. Preferimos entender o texto como referido ao asedio de Xerusalén polos caldeos. *A altura* (heb. "tell") é a fortaleza que se constrúe nun outeiro.
**3**, 6 *As tebras* son unha variación do xeol, onde non é posible a felicidade, por non haber carne. O semita ve o xeol presente nas situacións dolorosas e angustiosas desta vida.
**3**, 8 *En voz alta*. A pesar diso, Deus detén a oración do seu pobo, pois a súa actitude é a mesma.
**3**, 10 Cf Os **13**, 7-8; Xob **10**, 16.
**3**, 12 Cf Xob **16**, 12-13.
**3**, 13 Os *riles* son na antropoloxía semítica a base dos sentimentos: aquí, os sentimentos de burlas amargas de que é obxecto. *Os dardos da alxaba* son as frechas (cf Sal **127**, 5).
**3**, 15 O *asente* é unha planta medicinal especialmente amarga, empregada en infusións para abrir o apetito. Aquí é símbolo da amargura pola burla.
**3**, 19 A situación mísera dos que viven sen patria, refírese á poboación que quedou en Xudá.
**3**, 20 *Culpa* (lit. "débeda"). A esperanza no Señor xorde ao tomar conciencia da propia culpa.
**3**, 23 O facerse novas cada mañá as bondades e misericordias do Señor, alude aos sacrificios nas ruínas do templo, que tiñan lugar cada mañá e cada tarde (cf Xer **41**, 5ss; Zac **7**, 1ss; **8**, 18s).

Tet [25]Bo é o Señor para quen espera nel, para aquel que o busca.
[26]É bo que un espere en silencio a salvación do Señor.
[27]Élle bo ao home cargar co xugo desde a súa xuventude;
Iod [28]que se sinta só e que estea calado cando o ten que aguantar;
[29]que poña a súa boca no po: quizais haxa aínda esperanza!;
[30]que ofreza a meixela ao que lle bate e que se farte de oprobios.
Kaf [31]Certo, o Señor non se afasta para sempre (...);
[32]se aflixe, compadécese conforme á abundancia das súas bondades;
[33]non oprime de corazón nin aflixe os fillos do home.
Lámed [34]Cando un esmaga debaixo dos seus pés a todos
os prisioneiros do país,
[35]cando se torcen os dereitos dun home ante a presenza do Altísimo,
[36]cando se lle prexudica a un home no seu xuízo, o Señor non o vai ver?

Mem [37]Quen é este que falou, e aconteceu? Non llo mandou o Señor?
[38]Non sae o mal e o ben da boca do Altísimo?
[39]De que se queixa o home? Da vida feliz?
De que se queixa o home? Do castigo dos seus pecados?

Nun [40]Investiguemos o noso comportamento e examinémolo.
Convertámonos ao Señor.
[41]Levantemos o noso corazón, non as palmas das nosas mans,
ao Deus que está no ceo.
[42]Nós pecamos e rebelámonos. Ti non nos perdoaches!

Sámek [43]Cubrícheste de ira e perseguíchesnos, mataches sen teres compaixón.
[44]Cubrícheste coa túa nube, para que non pasase a oración.
[45]Convértesnos en varredura e esterco, no medio dos pobos.
Pé [46]Todos os nosos inimigos abren as súas bocas contra nós.
[47]A nós tócanos o terror e o foxo, a destrución e a ruína.
[48]O meu ollo verte regueiros de bágoas pola ruína da filla do meu pobo.
Ain [49]Os meus ollos esbagullan, sen pararen, non teñen acougo,
[50]ata que o Señor olle desde arriba e vexa desde o ceo.
[51]Os meus ollos quítanme a respiración por causa de todas as fillas
da miña cidade.
Sade [52]Os meus inimigos cazáronme coma un paxariño, sen razón.
[53]Quixeron perder a miña vida no pozo, botaron dentro pedras contra min.
[54]Cubríronme de auga ata enriba da cabeza. Dixen: "Estou perdido".

**3**, 25 *Aquel que*: lit. "a alma do que" (heb "néfex"), no sentido de esperanzada ilusión da vida feliz.
**3**, 26 *En silencio*. Esta actitude de silencio meditativo e confiado ante a dor é propia de Xob (cf Xob **2**, 13), de Is e do Servo de Iavé.
**3**, 27 O *xugo* simboliza aquí a submisión, o sufrimento que provén do Señor.
**3**, 28-30 As expresións destes vv. refírense á liturxia penitencial ou de lamentación colectiva.
**3**, 31 Os puntos equivalen a un acento, unha palabra que falta no texto hebreo e nas traducións antigas, pero que tivo que existir para completar o número de acentos.
**3**, 34-36 Estes vv. refírense a situacións de inxustiza dos caldeos con Xudá (v. 34), ou duns caldeos con outros.
**3**, 37-38 O home bíblico atribúe todo a Deus, de xeito que ata o perxurio no xuízo é mandato persoal de Deus (non distinguen entre mandato e permisións), aínda que para eles esta afirmación non nega a responsabilidade humana (cf vv. 20. 40-41). O mal que sae da boca do Altísimo é o mal inmediato e físico, non o mal como última intención (cf v. 33).
**3**, 39 Aínda que traducimos nos dous versos "home", o hebreo emprega dous termos distintos: no primeiro "adam", o home fráxil, feito de barro vermello; e no segundo "guéber", o de incomprensión dos plans históricos de Deus na caída de Xerusalén, que ao mesmo tempo serve para introducir a chamada á conversión (vv. 40-42).
**3**, 40-42 Estes versos están en cohortativo, co que se quere expresar a chamada. A conversión parte dun exame do propio comportamento (lit. "vieiro") e consiste nun movemento de dar a volta no vieiro ata chegar ao Señor.
**3**, 44 A nube é aquí unha imaxe literaria da ira divina, que impide que a oración do pobo chegue a Deus (cf nota a **2**, 1).
**3**, 47 *Foxo* fai pensar nunha vida triste, semellante á do xeol.
**3**, 51 *Quítanme a respiración*: lit. "oprimen o meu alento" (heb. "néfex"). *As fillas da miña cidade* son as vilas dependentes de Xerusalén.
**3**, 52-54 A situación da caída da cidade exemplifícase con dúas imaxes, a da caza dos paxariños con lazo, e a de botar nun pozo ao home que simboliza a Xerusalén.

Qof 55Invoquei o teu Nome, Señor, desde o pozo do abismo.
56Ti escoitaches a miña voz: non tapaches o teu oído á miña liberación,
ao meu clamor de auxilio.
57Acercácheste o día que eu clamaba a ti. Dixeches: "Non teñas medo".
Rex 58Ti, Señor, defendiches a causa da miña existencia, redimiches a miña vida.
59Ollaches, Señor, a miña opresión, a miña sentenza foi ditada con xustiza.
60Viches toda a súa vinganza, todas as súas matinacións contra min.
Xin 61Escoitaches, Señor, os seus insultos, todas as súas maquinacións contra min,
62os discursos dos meus adversarios e os seus complots contra min todos os días.
63Olla atentamente a súa conduta, que eu son a súa cántiga.
Tau 64Devólvelles, Señor, o merecido conforme a obra das súas mans.
65Dalles a cegueira do corazón, que a túa maldición sexa para eles.
66Persígueos con ira e fainos desaparecer de debaixo do ceo, Señor.

**Cuarta lamentación**

**4** Alef 1Ah, como se enferruxou o ouro, como escureceu o ouro máis fino!
As pedras do templo están esparexidas na cabeceira das rúas!
Bet 2Os fillos de Sión, gloriosos (e) merecentes de aprecio coma o ouro fino,
como son considerados olas de barro, obra das mans do oleiro?
Guímel 3Si, os chacais ofrecen os peitos para que mamen as súas crías,
(pero) a filla do meu pobo, cruel!, que avestruz do deserto!
Dálet 4A lingua dos meniños de leite pégaselles ao ceo da boca coa sede,
os rapaciños piden pan, non hai quen llelo reparta.
He 5Os que comían manxares saborosos, alentan inando nas rúas,
os que foron criados sobre a púrpura, abrazan (agora) o esterco.
Vau 6A iniquidade da filla do meu pobo era máis grande ca o pecado de Sodoma,
foi aniquilada nun instante coma ela, sen que nela se movesen as mans.
Zain 7Os seus nazireos eran máis puros ca a neve, eran máis brancos ca o leite,
o seu corpo era máis vermello ca os corais, a súa figura era zafiro.
Het 8(Agora) o aspecto deles é máis negro ca a ferruxe,
non se recoñecen nas rúas,
a súa pel está pegada aos seus osos, está reseca coma un pau.
Tet 9Foron máis ditosos os mortos pola espada ca os mortos da fame.
Si, aqueles foron máis valentes, sendo acoitelados,
ca os que careceron dos produtos do campo.
Iod 10As mans das piadosas mulleres coceron a seus propios fillos,
que lles serviron de alimento durante a caída da filla do seu pobo.
Kaf 11O Señor esgotou a súa furia, librou o incendio da súa ira,
prendeu o lume (da súa ira) en Sión, que devorou os seus cimentos.

**3**, 59 *Foi ditada*: lit. "foi xulgada".
**3**, 63 *Conduta*: lit. "o sentarse deles e o seu erguerse": merismo para indicar a totalidade da acción: as burlas contra Xudá.
**4**, 1-22 Esta lamentación acróstica ten dous versos en cada estrofa, dos que soamente é acróstico o primeiro. Consta de tres partes desiguais. A primeira (vv. 1-16) describe a calamitosa situación na que se atopa a comunidade postexílica, enumerando os seus diferentes elementos (o templo, o pobo, os meniños, os ricos, e os nazireos), e referíndose a feitos dolorosos que aconteceron durante o asedio. O tema culminante é a acusación de culpabilidade e de pecado, co seu correspondente castigo, a mans de Deus. A segunda parte (vv. 17-20) está composta como unha lamentación na forma "nós", que se refire á comunidade, coas súas esperanzas e frustracións no tocante a Exipto e ao seu rei. A terceira parte (vv. 21-22) contén un oráculo de castigo en forma sarcástica contra Edom e un oráculo salvífico para a filla de Sión.
**4**, 1 *O ouro* alude ás pedras do templo, que no Santo dos Santos estaban pintadas.
**4**, 2 Contrasta o aprecio debido á poboación de Sión e o humillante manexo que fan dela os caldeos.
**4**, 3 *A filla do meu pobo*. É Xerusalén (cf vv. 6-10). O pobo é comparable á avestruz, que abandona os seus ovos con perigo de seren pisados (cf Xob **39**, 16). Dun xeito semellante, as mulleres de Xerusalén non dan de mamar aos seus meniños durante o asedio (cf v. 4).
**4**, 5 *Abrazan*. Anhelan poder comer do recollido nas esterqueiras.
**4**, 7 *Nazireos*: homes consagrados a Deus, fosen de orixe rexia (Xén **49**, 26; Dt **23**, 16) ou do común do pobo (Núm **6**, 2; Xuí **13**, 5). *Corpo* ( lit. "óso" ), ten aquí, o mesmo ca en Sal **35**, 10 ; Pr **16**, 24 o sentido de corpo forte e cheo de vida.
**4**, 11 *O lume* refírese aquí á actitude anoxada de Deus, non ao lume co que destruíron o templo os caldeos.

Lámed 12Non creron os reis da terra, nin todos os que reinan no mundo,
que o adversario e inimigo entrase polas portas de Xerusalén.
Mem 13Por causa dos pecados contra os seus profetas,
e da iniquidade contra os seus sacerdotes,
por verteren no medio dela sangue de xustos,
Nun 14andaron cegos polas rúas, lixáronse co sangue vertido,
sen que se lles puidese tocar os vestidos.
Sámek 15"Apartade! Un impuro!" –dicíasenos–. "Apartade! Apartade!
Non toquedes!".
Cando fuxiron tamén andaron errantes.
Dicían os pobos: "Non continuarán de emigrantes (aquí)".
Pé 16A presenza do Señor mandounos ao abismo (para) non seguir contemplándoos,
(pois) non respectaran os sacerdotes, non tiveran piedade dos anciáns.
Ain 17Os nosos ollos consumiranse de novo, procurando
a nosa axuda en van.
Desde as nosas atalaias outeamos por un pobo que non nos poderá salvar.
Sade 18Espreitan os nosos pasos, sen podermos camiñar polas nosas prazas.
Está preto a nosa fin, cúmprense os nosos días. Si, chega a nosa fin.
Qof 19Os nosos perseguidores son máis lixeiros que as aguias do ceo,
polos montes perséguennos, no deserto póñennos emboscada.
Rex 20O perfume dos nosos narices, o unxido do Señor, está preso
nos seus calabozos;
del pensabamos: "A súa sombra viviremos entre os pobos".
Xin 21Exulta e énchete de ledicia, filla de Edom, que habitas no país de Us,
tamén onda ti chegará a copa, beberala ata espirte de borracha.
Tau 22El completou o castigo da túa iniquidade,
filla de Sión, non volverá a levarte á cativiedade.
El pasa revista á túa iniquidade, filla de Edom, á débeda do teu pecado.

**Quinta lamentación**

**5** 1Lémbrate, Señor, do que nos aconteceu: mira atentamente, si, olla a nosa vergonza!
2A nosa herdanza pasou a estranxeiros; as nosas casas, a xentes de fóra.
3Quedamos orfos, non temos pai, as nosas nais son viúvas.
4Bebemos a nosa auga a prezo de prata, traemos a nosa leña con cartos.
5Co xugo nos nosos pescozos somos perseguidos,
estamos cansos, (e) non se nos deixa descansar.
6Estendemos a man ante Exipto, ante Asiria, para fartarnos de pan.
7Os nosos pais pecaron, xa non existen; nós cargamos coas súas iniquidades.

**4**, 13 *Pecados contra os seus profetas* (cf v. 16b): cometidos polo pobo ao delataren aos profetas cúlticos e aos sacerdotes que eran favorables a unha política pro-exipcia.
**4**, 14-15 Estes delatores, que terían que emigrar por mor da oposición do pobo, levarán sempre consigo a maldición polos seus feitos.
**4**, 16 O *abismo* é o xeol; segundo os hebreos, Deus non contempla os que viven no xeol.
**4**, 20 *Perfume*: o aceite virxe co que se facía a consagración do rei era aromático.
**4**, 21 *Edom* o mesmo ca Moab e Amón participou cos caldeos na caída e saqueo de Xerusalén: por isto se lle anuncia a copa da ira de Deus. Sobre *Us*, cf Xén **36**, 28; Xob **1**, 1.
**4**, 22 Completar o castigo da iniquidade, ten un sentido positivo, pois, vingada a culpa, está xa aberto o camiño da restauración.
**5**, 1-22 Esta derradeira lamentación non é acróstica como as catro primeiras; literariamente consta das seguintes partes: unha oración en forma "nós", dirixida a Iavé (v. 1); descrición, en primeira e en terceira persoa, da situación de calamitosa angustia (vv. 2-18), que acaba cunha frase relativa á devastación de Sión, en paralelismo antitético coa afirmación do reinado eterno de Iavé e, como remate, o recoñecemento de que a distancia de Deus (vv. 20-22) debeuse á condición pecadora do pobo (cf vv. 7. 16).
**5**, 1 Esta primeira oración expresa a finalidade teolóxica da liturxia penitencial: recordarlle a Deus o que lle pasa ao pobo, dicíndolle tamén que o pobo se avergonza do seu pecado (v. 16), e que están dispostos a se converter (v. 21).
**5**, 4 Pagar a auga e a leña indica que estes bens xa non son comunais, senón que os hai que pagar ao novo propietario, o caldeo.
**5**, 5 *O xugo* pode ser o mulido do que un se vale para traer as cargas (v. 4), ou ben a dominación estranxeira (v. 6).
**5**, 6 *Estendemos a man*: xesto de súplica, non de pacto. Asiria aquí equivale a Babilonia (como en Xer **2**, 18).
**5**, 7 A teoloxía retributiva deste v. é contraria á de Xer **21**, 29-30 e Ez **17**, aínda que se recoñece a propia culpabilidade (cf v. 16).

[8]Os servos mandan en nós, non hai quen (nos) libere das mans deles.
[9]Logramos con risco o noso pan, arrostrando o perigo de morte no deserto.
[10]A nosa pel está quente coma un forno, pola presenza da fame rabiosa.
[11]Violan ás mulleres en Sión, ás virxes nas cidades de Xudá.
[12]Os príncipes son pendurados das súas mans, non se respecta
a presenza dos anciáns.
[13]Os mozos levan a moa do muíño e os rapaces cambalean coa leña ao lombo.
[14]Os anciáns deixan os xuízos das portas; os mozos, os cantos da cítara.
[15]Acabouse a ledicia do noso corazón, a danza cámbiase en loito.
[16]Caeu a coroa da nosa cabeza. Ai de nós, certo que pecamos!
[17]Por isto está triste o noso corazón, por estas cousas escurécense os nosos ollos.
[18]Sobre o monte Sión produciuse devastación, as raposas camiñan por el.
[19]Pero ti, Señor, reinarás eternamente, o teu trono por xeracións e xeracións.
[20]Por que te esqueces de nós para sempre, (e) nos abandonas ao longo dos días?
[21]Fainos volver a ti, Señor, e volveremos; renova os nosos días, coma noutros tempos.
[22]Ou rexeitáchesnos completamente, estás anoxado contra nós ata mil veces?

**5**, 13 Este v. e o seguinte supoñen unha situación de deportación. Non se pense nas nosas moas de muíño, senón nas de muíños de man, duns 40-50 cm de diámetro, furadas no medio.
**5**, 14 *Os xuízos das portas*: cf nota a **1**, 4.
**5**, 19 Non obstante a devastación de Sión e do templo e a desaparición do rei (v. 16), Deus segue reinando no templo celeste. Esta idea desenvolveuse moito no tempo do exilio.
**5**, 21 A conversión do pobo é algo que o mesmo pobo solicita de Deus, e que o levará a unha renovación semellante á dos mellores tempos.

# INTRODUCIÓN A BARUC

## 1. Historia do Libro

*Os cinco capítulos que forman o libro de Baruc consérvanse soamente en grego e nas traducións antigas feitas a partir da versión dos LXX. San Xerome non o traduciu, xa que "o libro de Baruc (o amanuense de Xeremías) non se le nin foi conservado entre os hebreos". Sen embargo foi incluído na Vulgata o texto existente na Vetus Latina. A orde de colocación deste libro, nos mellores manuscritos dos LXX, é Bar, Lam e Carta Xer. A mesma orde aparece nos Padres gregos (S. Cirilo de Xerusalén, S. Atanasio) e nos canons do concilio de Laodicea. Nos manuscritos da Vg aparecen seguidos Xer, Bar e Lam, considerando a Carta Xer como o capítulo 6 de Bar, aínda que, polo título ou encabezamento da carta, se distingue claramente do libro de Bar. Por estes motivos separamos a Carta de Xeremías do libro de Baruc.*

## 2. Contido, estrutura e lingua na que se escribiu

*O libro, ademais do título (**1**, 1-2) e da introdución (**1**, 3-14), ten tres partes.*

*A primeira (**1**, 15-**3**, 8) é unha composición para unha liturxia penitencial. Emprégase nela un grego tan cargado de hebraísmos, que a maior parte dos autores consideran que o libro foi orixinariamente escrito en hebreo, e que a tradución foi feita por un bo coñecedor do grego dos LXX. Nas notas ao texto, deixamos constancia dos casos nos que o recurso ao texto hebreo é preciso para unha exacta tradución e interpretación.*

*A segunda parte (**3**, 9-**4**, 4) contén unha exhortación sapiencial que culmina na identificación da sabedoría transcendente coa revelación, e en concreto coa revelación da Lei (**4**, 1). Aínda que para moitos autores é dubidosa a lingua orixinaria, inclinámonos por pensar que foi o hebreo.*

*A terceira parte (**4**, 5-**5**, 9) é de carácter exhortativo-consolatorio. Como as dúas anteriores, reflicte a situación da Diáspora. Está fortemente influída polo II e III Isaías nos contidos e na forma literaria dos oráculos. O emprego de partículas e de termos gregos con resonancias soamente comprensibles no hebreo, deixa ver detrás un escrito hebreo. As semellanzas co Salmo de Salomón **11** (composto en hebreo no ano 64 a. C.) soamente afectan á última estrofa (**5**, 5-9), e aínda aquí se presenta o problema de quen depende de quen. O máis probable é que dependan ambos os dous do II e III Isaías, a través dun texto anterior.*

## 3. A problemática autoría de Baruc

*Aínda que o título e a introdución á primeira parte (**1**, 3-14) o atribúen a Baruc, a proliferación dos escritos pseudonímicos a partir do período persa e no grego, xunto coa análise interna do texto, fai que os críticos modernos estean practicamente de acordo en negarlle a paternidade do libro ao amanuense de Xeremías.*

*De feito no libro de Baruc confúndense as dúas principais deportacións (a do 597, na que se deporta ao rei Ioaquín chamado tamén Ieconías, e a do 586, na que, despois da destrución do templo e da cidade, ten lugar unha forte deportación). Esta confusión non a tería nunca Baruc, que viviu estes tráxicos feitos. Ademais dáse o caso de que, despois de constatar a caída e o incendio de Xerusalén (**1**, 2), fala do exercicio normal do culto na cidade (**1**, 10). Certo que nas ruínas do templo se celebrou algún tipo de culto; pero, segundo Xer **41**, 5ss e Zac **7**, 1ss, este culto non puido ser nunca o que se describe en Bar **1**, 10.*

*Por outra banda, o autor de Bar descoñece claramente a historia do imperio babilónico durante o período de vida de Baruc, pois di que Baltasar é fillo de Nabucodonosor (**1**, 11), cando en realidade é fillo do usurpador do trono, Nabónid, de xeito que nin é fillo nin sucesor inmediato.*

*Hai outras razóns que fan desaconsellable a atribución do libro a Baruc: O sacerdote Ioaquim (de **1**, 7) é descoñecido nesta época. O costume de rezar polo rei pagán dominante (**1**, 11), incrible durante o exilio, foi introducida no pacífico período persa (cf Esd **6**, 10; **7**, 23). No momento do exilio, ou cando menos na data pretendida polo autor do libro o escribán de Xeremías non estivo en Babilonia, senón que permaneceu co profeta de Anatot (cf as seccións históricas de Xeremías).*

## 4. Un autor ou tres? Un libro ou unha antoloxía?

*Dificilmente se pode soster a unidade de autor para as tres partes de Baruc, pois*

*pertencen a tres xéneros literarios ben diferenciados: a) unha liturxia penitencial, característica dun ámbito cúltico sinagogal ou do templo; b) unha composición sapiencial, froito da reflexión sobre os textos sagrados tradicionais, e a aplicación aos problemas concretos dun pobo disperso e sen liberdade política; e c) unha composición profética, que olla para a situación do desterro con esperanza, pois as promesas de Deus hanse cumprir.*

*Resulta difícil aceptar a existencia dun personaxe que manexe tan axeitadamente os recursos destes tres xéneros literarios e que compuxese estas tres pezas. Certo que a situación histórica (a Diáspora), a finalidade (conversión á observancia da Lei) e as esperanzas de tempos mellores, son comúns ás tres partes. Esta conxunción dos tres xéneros literarios na finalidade deixa ver a harmonía e a unidade interna da obra.*

*Bar **1**, 14 ponnos na pista do ambiente vital que puido levar á conxunción das tres pezas literarias: a liturxia da festa das Cabanas. Non obstante, sorprende que nunha festa tan lediciosa tivese lugar unha liturxia penitencial. Aínda que a composición penitencial non tivese o desenvolvemento de xaxún colectivo na festa, a súa recitación ou canto, xunto coas outras dúas, puido moi ben ser acollida no ritual da liturxia sinagogal da devandita festa, pois o conxunto das tres composicións ten un ton festivo, ao chamar á esperanza en días mellores e proclamala. Esta hipótese da utilización do libro de Baruc no culto sinagogal da Diáspora, explicaría que o libro se conservase tan só en lingua grega.*

*A atribución da autoría do libro a Baruc debeu considerarse indicada pola conxunción do amanuense de Xeremías co momento do desterro a Babilonia, e por ser Baruc un personaxe histórico importante, aínda que non abondo coñecido. Por outra banda, a súa profesión foi a dun escribán, a mesma dos escritores sapienciais, ao estilo do Sirácida, que deducían a súa sabedoría da reflexión sobre os antigos textos sagrados. Os sucesores da escola de escribáns do noso autor compuxeron tamén outras dúas obras, que atribuíron a Baruc: dúas apocalipses do século II despois de Cristo.*

## 5. Data de composición

*Hai críticos actuais que o datan no século I da era cristiá, despois do ano 70. Esta hipótese fai incomprensible que os cristiáns o aceptasen como libro canónico do A. T. Máis verosímil é que na era cristiá se fixesen certos retoques redaccionais ou de tradución.*

*A base fundamental para datalo ha ser a comparación con outros escritos do mesmo xénero e de datación máis segura.*

*Así, sobre a sección penitencial, o paralelo máis próximo é Dn **9**, 4-17 (aínda que o texto de Bar está máis desenvolvido, omite as alusións á destrución do templo, e engade referencias á situación dos exiliados). Se o libro de Daniel é da primeira metade do século II a. C., non temos por que considerar doutra época o texto de Baruc.*

*A segunda unidade (sapiencial) é anterior a Eclo **24**, 23ss, e o Sirácida morreu entre o ano 200 e o 180 a. C.*

*A terceira unidade (profética) á primeira vista parece máis serodia, polo paralelismo da súa última estrofa co II dos Salmos de Salomón (64 d. C.); pero a súa dependencia do II e III Isaías non impide a anterioridade desta estrofa, xa que o método de síntese dunhas reflexións sobre textos antigos está ben testemuñado no Sirácida. Certo que tamén a devandita estrofa podería ser un engadido; pero non por iso tería que ser serodio todo o escrito profético.*

*Por outra banda, estamos na época da loita macabea contra Antíoco IV Epífanes, cousa que se deixa entrever nas referencias mesiánicas, tal como aparece na nota a **1**, 1-14. Quizais poida sorprender a oración por "Ñabucodonosor e polo seu fillo Baltasar" de **1**, 12, que significarían a Antíoco IV Epífanes e o seu fillo Antíoco V Eupátor; pero este costume vénse arrastrando desde a época persa, e ademais é probable que os xudeus da Diáspora máis abertos ao mundo grego, non simpatizasen cos plans de levantamento armado dos Macabeos.*

# BARUC

## Introdución

**1** [1]Este é o texto do libro que Baruc, fillo de Nerías, fillo de Maseías, fillo de Sedecías, fillo de Asadías, fillo de Hilquías, escribiu en Babilonia, [2]no ano quinto, o sete do mes, na época en que os caldeos tomaron Xerusalén e lle prenderon lume.

[3]Baruc leu o texto deste libro ante Ieconías, fillo de Ioaquim, rei de Xudá e ante todo o pobo que viñera escoitar o libro; [4]e ante as autoridades, os fillos dos reis, e os anciáns; ante todo o pobo, desde o máis pequeno ata o máis grande, e ante todos os que habitaban en Babilonia xunto ao río Sur. [5]Todos choraban, xaxuaban e rezaban diante do Señor. [6]Despois xuntaron diñeiro segundo lles permitían os haberes de cadaquén, [7]e mandáronllelo a Xerusalén, a Ioaquim, fillo de Hilquías, fillo de Xalum, e aos sacerdotes e a todo o pobo que con el se atopaba en Xerusalén. [8](Porque Baruc collera os utensilios do templo do Señor, que foran levados do santuario, para devolvelos ao país de Xudá, no día dez do mes de Siván; era o enxoval de prata que fixera Sedecías, fillo de Ioxías, rei de Xudá, [9]despois de que Nabucodonosor, rei de Babilonia, deportou de Xerusalén a Ieconías e o levou a Babilonia, xunto cos xefes, os cativos, as autoridades e o pobo do país).

[10]Díxolles: –Ollade que vos mandamos diñeiro, a fin de que compredes con el vítimas para os holocaustos e os sacrificios expiatorios, e tamén incenso, e para que fagades a ofrenda, presentando os sacrificios sobre o altar do Señor, noso Deus. [11]Rezade tamén pola vida de Nabucodonosor, rei de Babilonia e pola de Baltasar, seu fillo, a fin de que os seus días sexan coma os do ceo sobre a terra. [12]Entón o Señor daranos forza e iluminará os nosos ollos e viviremos felices á sombra de Nabucodonosor, rei de Babilonia, e á sombra de Baltasar, o seu fillo, e servirémolos durante moitos anos, alcanzando favor diante deles. [13]Habedes rezar tamén por nós ante o Señor, noso Deus, porque pecamos contra o Señor, noso Deus, e ata o día de hoxe o furor e mais a ira do Señor non se apartaron de nós. [14]Habedes de ler este libro que vos mandamos para que o leades en público no templo do Señor, o día da festa e os días xa marcados.

[15]Diredes:

**1**, 1-14 Esta sección introduce a oración penitencial (**1**, 15-**3**, 8); e, aínda que se atribúe a Baruc, o ambiente vital é postexílico, de boas relacións coas autoridades pagás dominantes. A inclusión de Ieconías á fronte dos membros da comunidade da Diáspora é un sinal dos desexos mesiánicos da mesma, e quizais unha das probas históricas do pecado do pobo, do que xa estaban arrepentidos.

**1**, 1 A alusión ao rei non é soamente unha ficción literaria, senón que reflicte a esperanza mesiánica (cf 2 Re **25**, 27; Xer **52**, 31).

**1**, 2 *O sete do mes*: do mes de Ab (= xullo-agosto) do ano 582. Nesta data celebrábase a liturxia penitencial conmemorativa da caída e do incendio de Xerusalén e do templo (cf Introd. a Lam; Zac **7**, 3. 5; **8**; **19**).

**1**, 3-4 A comunidade que celebra esta liturxia, está perfectamente organizada, como non puido estar a comunidade dos exiliados, a xulgar polos datos de defección que nos dá Ez. Ieconías é o rei Ioaquín, deportado no 598 (cf 2 Re **24**, 12), e liberado despois de trinta e sete anos de prisión (cf 2 Re **25**, 27; Xer **52**, 31).

**1**, 6 *Os haberes*: lit. "man", co valor de "dispoñibilidade". O costume de mandar diñeiro para o culto de Xerusalén fixose común nas comunidades da Diáspora.

**1**, 7 Este sumo sacerdote resulta descoñecido, non só no tempo de Xeremías, senón tamén posteriormente.

**1**, 8 A devolución dos vasos sagrados nesta época é estraña e descoñecida, pois xa os devolvera Ciro no ano 537 (cf Esd **1**, 7-11). A preocupación polos vasos sagrados é moi propia da época macabea (cf 1 Mac **1**, 21-24; **4**, 49-51; 2 Mac **2**, 4-12; Dn **1**, 2; **5**, 2-4). Aínda que o culto se seguiu facendo nas ruínas do templo (cf Xer **41**, 5), non era o culto perfectamente organizado que supón o v. 10 (cf Introd. 3). O mes de *Siván* era o terceiro mes (= maio-xuño). A tradución siria le o día 10 de *Nisán*, o primeiro mes (= marzo-abril). Os vv. 8-9 son unha paréntese que rompe o fio do relato da colecta e do encargo, polo que se consideran engadidos.

**1**, 10 *A ofrenda*. Os LXX traduciron "maná", termo hebreo que significa ofrenda, o que supón unha interpretación teolóxica do maná de Éx **16**, 35 como un pan cúltico, do que se participaba, xunto coas ofrendas vexetais, en ambiente sacral.

**1**, 11 *Baltasar* non foi fillo de Nabucodonosor, senón de Nabónid, o usurpador do trono caldeo, a quen Ciro venceu.

**1**, 12 *Viviremos felices* (lit. "viviremos") pero o aspecto de felicidade está incluído no fondo semítico do texto. Hai que supor unha época de boas relacións coas autoridades pagás. A sombra é imaxe tradicional da protección e amparo dos reis sobre os súbditos: cf Xuí **9**, 15; Is **30**, 3; Lam **4**, 20; Ez **31**, 1. 2. 6; Dn **4**, 9. 18.

**1**, 14 *A festa* é a das "Cabanas" (cf Introd. 4), que se chama así en 1 Re **8**, 2. 65; Ez **45**, 25. *Os días xa marcados* son os días da liturxia penitencial.

**1**, 15-**3**, 8 Esta unidade divídese en dúas partes: a) **1**, 15-**2**, 10; e b) **2**, 11-**3**, 8. A primeira delas recolle o espírito penitente do pobo, que confesa o seu pecado e se lamenta pola falta de autonomía política. Esta falta de soberanía, indigna e vergonzosa para o pobo de Deus, faille suspirar decote polo Mesías. Sobre a segunda parte, cf nota a eses vv.

**1**, 15 *A xustiza* de Deus, en oposición á vergonza do pobo, é o poder salvador de Iavé (cf nota a **2**, 9).

**Oración penitencial:**
**A.** ***Confesión dos pecados***

"Ao Señor, noso Deus, perténcelle a xustiza, pero a nós perténcenos a vergonza das nosas caras, como lles pasa hoxe aos homes de Xudá e aos habitantes de Xerusalén, [16]aos nosos reis e aos nosos xefes, aos nosos sacerdotes e aos nosos profetas, e aos nosos pais. [17]Porque pecamos contra o Señor, [18]fómoslle infieis e non fixemos caso á orde do Señor, noso Deus, de nos comportarmos segundo os mandamentos que o Señor puxo na nosa presenza. [19]Desde o día no que o Señor sacou os nosos pais do país de Exipto ata o día de hoxe, fomos infieis ao Señor, noso Deus, e seguimos o noso capricho, sen facer caso das súas ordes. [20]Por isto, tal como hoxe acontece, perseguíronnos as desgrazas, os males e a maldición que o Señor lle predixo ao seu servo Moisés, na época en que sacou os nosos pais do país de Exipto para nos dar unha terra que deita leite e mel. [21]Tampouco lle fixemos caso á voz do Señor, noso Deus, de acordo con todas as mensaxes dos profetas que El nos mandou, [22]senón que cada un de nós se comportaba conforme ao capricho do seu ruín corazón, dándolles culto a deuses alleos, facendo así o mal aos ollos do Señor, noso Deus".

**2** [1]Por isto o Señor executou a sentenza que pronunciara contra nós e contra os xuíces que xulgaban a Israel e contra os nosos reis, os nosos xefes e os homes de Israel e de Xudá. [2]Non se fixo debaixo do ceo cousa semellante á que se fixo en Xerusalén, como xa se escribira na Lei de Moisés, [3]cando comemos cada un de nós a carne do seu propio fillo e a da súa propia filla, [4]porque o Señor os entregara nas mans de todos os reinos que estaban ao noso arredor, para que servisen de vergonza e maldición entre todos os pobos circundantes, a onde o Señor os dispersou. [5]Si, quedaron por baixo e non por riba, porque pecaramos contra o Señor, noso Deus, non lle facendo caso á súa voz.

[6]Ao Señor, noso Deus, perténcelle a xustiza, pero a nós e a nosos pais perténcenos a vergonza das nosas caras, como o día de hoxe. [7]Todo o que o Señor nos revelou, todas estas calamidades viñeron sobre nós, [8]porque nós non invocáramos o rostro do Señor para que cada un se apartase dos plans do seu ruín corazón. [9]Por isto o Señor lembrou estas calamidades e mandounas contra nós. O Señor é xusto en todas as accións que nos mandou cumprir, [10]pero nós non lle fixemos caso á súa voz para que camiñásemos conforme os preceptos que o Señor puxo ante a nosa presenza.

**B.** ***Súplica***

[11]Pero agora, Señor, Deus de Israel, ti que sacaches o teu pobo do país de Exipto con man poderosa, con sinais, con prodixios e con grande poder e con brazo en alto, e conseguiches para ti mesmo un renome, coma o que hoxe se ve: [12]nós, Señor, noso Deus, temos pecado e cometido impiedades e inxustizas contra todos os teus decretos. [13]Apártese o teu furor de nós, porque quedamos uns pouquiños, abandonados entre as nacións onde nos dispersaches. [14]Escoita, Señor, a nosa oración e a nosa súplica, e líbranos por ti mesmo. Concédenos atopar favor ante a presenza dos que nos deportaron, [15]para que toda a terra recoñeza que ti es o Señor, noso Deus, porque o teu Nome foi invocado sobre Israel e sobre a súa raza. [16]Señor, olla

**1**, 18 As expresións deste v. son características do Dt (cf **4**, 8. 30; **11**, 26. 32) e de Xer (cf **3**, 13. 25; **7**, 23).
**1**, 20 Alusión ao cumprimento das maldicións pola infidelidade á alianza (cf Dt **27**, 15-26; **28**, 15-68; Dn **9**, 11). *Terra que deita leite e mel*: terra paradisíaca e don gratuíto de Deus.
**2**, 2 *Na Lei de Moisés*: alusión a Lev **26**, 27-29 e Dt **28**, 53-57. Situación semellante á descrita en 2 Re **6**, 28. 29; Xer **19,** 9; Lam **2**, 20s; Ez **50**, 10. Segundo Xosefo, repítense no asedio de Xerusalén, o ano 70 d. C.
**2**, 5 O autor sente que o pecado da súa comunidade é continuación do pecado dos xudeus do s. VI, aínda que o castigo sexa distinto.
**2**, 8 *Rostro de Señor*: alude á presenza salvífica de Deus.
**2**, 9 *Xusto*: ten aquí o sentido de xustiza salvífica (igual ca en **1**, 15 e **2**, 6).
**2**, 11-**3**, 8 Esta longa súplica apóiase nos seguintes motivos teolóxicos: o plan de Deus en favor do seu pobo, quedaría ensombrecido se non depón a súa ira (**2**, 11-13). Como froito da actuación de Deus, os máis necesitados daranlle gloria recoñecendo a súa forza salvadora (**2**, 18; cf **2**, 15) e tamén a súa fidelidade á promesa feita a Moisés (**2**, 29-35). Esta súplica, á parte de acadar o perdón dos pecados e a conversión, trata de conseguir de Deus o favor da potencia dominante, por unha certa dignidade, a pesar da submisión (**2**, 14. 24-25). A súplica conclúe cunha rápida oración (**3**, 1-8), na que se recollen desordenadamente os motivos expostos en **2**, 11-35.
**2**, 11 *Brazo en alto*: o autor ou tradutor grego interpreta o tradicional "brazo estendido" (= sinal antropomórfico do poder omnipotente de Deus), como brazo en alto, quizais por influxo das imaxes relixiosas gregas (Zeus, Palas-Atenea...).
**2**, 13 *Uns pouquiños*: é a tradución grega da noción hebrea do "resto" (cf Is **1**, 9; **4**, 2-3; Am **5**, 15).
**2**, 16 *A túa santa Casa* non é o templo de Xerusalén, senón o templo celeste de Deus, do que é unha copia o da terra (cf Dt **26**, 15; 1 Re **8**, 29. 30-32. 49).
Para o semita, o espírito infúndeselle ao home antes de nacer, nos ósos (Ecl **11**, 5), e perdura neles despois de morto; pero quítaselle entón das entrañas (base dos sentimentos e emocións).

para abaixo desde a túa santa Casa, e pensa en nós. Achega o teu oído, e escoita. [17]Abre, Señor, os teus ollos e mira, porque non serán os mortos, no Hades, a quen o espírito lles foi quitado das entrañas, os que recoñecerán a gloria e as accións do Señor; [18]serán, máis ben, os de ánimo moi entristecido, os que camiñan encollidos e enfermos, os ollos que escurecen e a gorxa que pasa fame, os que recoñezan, Señor, a túa gloria e a túa acción salvadora. [19]Pois non é polas obras de xustiza dos nosos pais e dos nosos reis polo que nós suplicamos compaixón ante ti, Señor, noso Deus, [20]xa que lanzaches o teu furor e a túa ira contra nós, tal como o anunciaras por medio dos teus servos, os profetas, dicindo: [21]"Así fala o Señor: Inclinade o voso lombo e servide o rei de Babilonia, e asentádevos na terra que eu lles dei a vosos pais. [22]Pero se non facedes caso da voz do Señor, servindo o rei de Babilonia, [23]eu farei que desapareza das cidades de Xudá e de Xerusalén o canto de alegría e o canto de pracer, o canto do noivo e o canto da noiva, e todo o país se volverá algo intransitable, sen habitantes".

[24]Pero nós non lle fixemos caso á túa orde de servir o rei de Babilonia, e ti cumpriches as túas palabras, que revelaras por medio dos teus servos os profetas, de deportar as persoas dos nosos reis e as persoas de nosos pais, dos seus lugares. [25]E velaí están tirados os seus ósos á calor do día e á xeada da noite, pois morreron con terribles sufrimentos: coa fame, coa espada e coa separación. [26]A Casa onde se invoca o teu Nome volvíchela tal como está o día de hoxe, por culpa da ruindade da casa de Israel e da casa de Xudá.

[27]Porén, ti, Señor, noso Deus, comportácheste connosco conforme a túa inmensa indulxencia e á túa grande compaixón, [28]tal como o dixeras por medio do teu servo Moisés, cando ti lle mandaches escribir a túa Lei diante dos fillos de Israel: [29]"Se non lle facedes caso á miña voz, esta grande e numerosa multitude volverase pouca cousa entre as xentes onde os hei de dispersar, [30]porque sei ben que non me farán caso, pois son un pobo de cabeza dura. Pero converterase o seu corazón no país do seu desterro, [31]e recoñecerán que eu son o Señor, o seu Deus, e eu darei lles corazón e oídos para que poidan facer caso; [32]loaranme no país do seu desterro e lembraranse do meu Nome. [33]Apartaranse da súa obstinación e dos seus malos feitos, pois lembraranse do comportamento de seus pais; de como pecaron contra o Señor. [34]E eu fareinos volver á terra que lles prometín con xuramento a seus pais, a Abraham, Isaac e Xacob, e serán os señores dela. Si, multiplicareinos e non minguarán de ningún xeito! [35]Establecerei con eles unha alianza eterna, de modo que eu sexa o seu Deus e eles sexan o meu pobo, e non volverei a mover ao meu pobo da terra que lle dei".

**3** [1]Señor todopoderoso, Deus de Israel, un ánimo angustiado e un espírito esmorecido está clamando a ti. [2]Escoita, Señor, e ten piedade, pois pecamos contra ti. [3]Ti es Rei para sempre, pero nós para sempre estamos perdidos. [4]Señor todopoderoso, Deus de Israel, escoita a súplica dos desgraciados de Israel, dos fillos que pecaron contra ti, que non fixeron caso da voz do Señor, o seu Deus, e, por isto, nos perseguiron desgrazas.

[5]Non te lembres das inxustizas dos nosos pais, lémbrate nesta hora do teu poder e do teu Nome, [6]porque ti es o Señor, noso Deus,

**2**, 17 *As accións do Señor*: lit. "xustiza", no sentido de xustificación (cf Rm **4**, 20), e en paralelo con gloria (= presenza salvífica de Deus).

**2**, 21-23 O autor, servíndose dos escritos de Xeremías (**27**, 12 e **7**, 34; cf **33**, 10-11), xustifica o desterro e mesmo a diáspora pola culpa do pobo; o texto deixa entrever a existencia dalgún movemento de oposición violenta ás autoridades pagás, ao estilo dos Macabeos, ao que o autor se opón.

**2**, 24 Outros traducen neste v. "as persoas" por "os ósos"; e "os seus lugares" por "as súas sepulturas", considerando o texto como unha alusión a Xer **8**, 1ss e **36**, 30. Esta interpretación non ten en conta o contexto (v. 25), onde se supón que os ósos son enterrados, nin o feito de que o vocábulo hebreo que está por debaixo significa, ademais de ósos, a mesma persoa o máis íntimo e sacral da persoa, pois son a base estable do espírito (cf nota ao v. 16).

**2**, 25 O termo que traducimos por *separación* refírese ao exilio, aínda que podería ter tamén o sentido de peste (cf Xer **32**, 36).

**2**, 26 O autor, que presenta o libro como obra de Baruc, ten que situarse na época da deportación, e presentar o templo destruído.

**2**, 29-35 Este discurso divino, composto de frases do Pentateuco (Lev **26**, 14-45; Dt **4**, 25-31; **28**, 58-68; **30**, 10), acaba cunha referencia clara á alianza eterna anunciada polos profetas (Xer **31**, 31-34; **32**, 40; **33**, 20-21; cf Ez **36**, 37). A súa mensaxe é que a situación que lle seguirá ao desterro será unha situación nova e definitiva, os tempos mesiánicos (cf nota a **1**, 1-14).

**3**, 1-8 Esta súplica final, preparada polo discurso divino de **2**, 29-35, resume os temas de toda a oración penitencial.

**3**, 3 *Es Rei*: lit. "estás sentado" ou "entronizado".

**3**, 4 *Desgraciados de Israel*: lit. "mortos", pero no sentido de estaren privados dunha vida feliz. Algúns traducen "defuntos", pensando nunha lectura incorrecta do texto hebreo; pero esta hipótese esquece o paralelismo de morte-pecado, e o sentido amplo da morte na antropoloxía semita (cf Is **59**, 10; Lam **3**, 6; Ez **37**, 11).

**3**, 5 *Poder*: lit. "man", con sentido salvífico, en paralelo con "Nome", o que equivale ao dinamismo salvífico de Deus.

e loarémoste, Señor. [7]Para isto puxeches
a fe en ti no noso corazón, para que o teu
Nome fose invocado e para que te loásemos
no noso desterro. Apartamos xa do noso co-
razón toda a iniquidade dos nosos pais, que
pecaron contra ti. [8]Óllanos aquí no noso des-
terro, onde nos dispersaches, convertidos no
escarnio, na maldición e no pago de toda a
iniquidade de nosos pais, que se apartaron do
Señor, noso Deus.

**Meditación sapiencial:**

**A.** ***Exhortación a escoitar para aprender a sabedoría***

[9]Escoita, Israel, mandamentos de vida;
atende ben, para aprender a discernir.
[10]Que sucede, Israel?
Por que estás no país dos inimigos,
e avellentaches nun país estranxeiro?
[11]Por que te volviches impuro
cos seus cadáveres,
e fuches contado cos que van ao Hades?
[12]Abandonaches a fonte da sabedoría.
[13]Se camiñases polo vieiro de Deus,
habitarías en paz para sempre.
[14]Aprende onde está o discernir,
onde está a forza,
onde está a intelixencia para coñecer;
aprende tamén onde está
a vida longa e a felicidade,
onde está a luz dos ollos e a paz.

**B.** ***A sabedoría é inaccesible ao home***

[15]Quen atopou o seu lugar?
Quen entrou nos seus tesouros?
[16]Onde están os xefes das nacións
e os señores das feras da terra?
[17]Os que xogan cos paxaros do ceo
e fan os seus tesouros
con prata e con ouro
–o ouro no que os homes
tiñan posta a súa confianza–,
aqueles dos que a cobiza non ten fin?
[18]U-los que labran
con todo coidado o ouro,
e nin sequera hai invención ningunha
nas súas obras?
[19]Desapareceron e baixaron ao Hades,
e outros ocuparon o seu posto.
[20]Outros máis novos viron a luz
e habitaron na terra,
pero o camiño da sabedoría
non o coñeceron,
[21]nin fixeron caso dos seus vieiros,
nin se preocuparon dela;
os seus fillos quedaron atrás
dos mesmos pais.
[22]Non se oíu en Canaán,
nin se viu en Temán,
[23]nin os fillos de Agar que procuran
o saber sobre a terra,
nin os arrieiros de Merrán e de Temán,
os expertos en mitos

**3**, 7 *Fe en ti*: lit. "o teu temor"; que é a resposta do home á revelación, o que hoxe chamamos fe, que nos move a invocar a Deus.

**3**, 9-**4**, 4 Esta unidade é unha meditación sobre a sabedoría revelada como fonte de vida e felicidade, que contrasta coa suposta situación de desterro ou diáspora. Consta de dúas partes, ás que precede e segue unha exhortación: a) **3**, 9-14: exhortación a escoitar para aprender a sabedoría, e así acadar a felicidade, resolvendo a triste situación do desterro-diáspora; b) **3**, 15-31: Estes vv., despois de presentar unha serie de falsas sabedorías (a dos ricos e xefes de nacións, a dos ourives, a dos pobos veciños, a dos xigantes) conclúen que a auténtica sabedoría, ao ser transcendente, élle inaccesible ao home; c) **3**, 32-**4**, 1: Deus coñece a sabedoría e inventaa na súa obra creadora, ao mesmo tempo que na alianza lla ensina a Xacob. A verdadeira sabedoría vén, pois, de Deus e identifícase coa Lei e os mandamentos. Esta sabedoría leva á vida feliz; d) **4**, 2-4: exhortación á conversión, de xeito que un pobo da Diáspora, acollendo a sabedoría revelada, supere as súas amarguras e fracasos.

**3**, 9 *Escoita, Israel* (cf Dt **5**, 1; **6**, 4). Deste xeito comeza a "Xemá" ou profesión de fe de Israel, e dun modo semellante comezan as leccións do mestre da sabedoría ("escoita, meu fillo").

*Mandamentos de vida*: mandamentos que dan a felicidade e o éxito.

**3**, 11 O contacto cos pagáns na Diáspora volve ritualmente impuros os xudeus (Am **7**, 17), o mesmo que o contacto cos cadáveres (Lev **16**, 29; **23**, 27). Viven en terra estraña, e viven sen felicidade, coma mortos (cf Ez **37**).

**3**, 12 *A fonte da sabedoría* (= vida) é Deus (cf Eclo **1**, 1-4; Is **8**, 6; Xer **2**, 13; **17**, 13).

**3**, 13 *Paz*, no sentido de fartura, felicidade, éxito, pois estes son os froitos da sabedoría, como expresa o v. 14.

**3**, 14 *Felicidade*: lit. "vida" (cf nota ao v. 4). A luz dos ollos é aquí o desexo de bens materiais, como se deduce de Dt **28**, 54. 56 e Mt **6**, 22 e paral. Con este sentido encaixa ben o vocábulo "paz" no mundo semita (cf v. 13 e nota).

**3**, 16s Trata a frase de distintas mostras de sabedoría, no sentido de habilidade para a doma dos animais, para o dominio dos pobos ou para conseguir as riquezas, pero a todas elas as declara falsas, por fomentar a cobiza.

**3**, 18 *Invención*. Algúns traducen "traza", rastro, entendendo o v. como referido á desaparición sen rastro das obras de arte; pero o sentido de "invención" vén requirido polo v. 21: as técnicas dos pais non foron seguidas polos fillos, que, lonxe de progresar, quedaron atrás dos seus devanceiros.

**3**, 22-23 Coas referencias a Canaán (Filistea), a Temán (cidade de Edom), aos fillos de Agar (os ismaelitas, tribos do norte de Arabia), a Merrán (que algúns interpretan Madián, ao sur de Edom e ao nacente do golfo de Áqaba), quere o autor negar a validez da sabedoría, tan famosa entón, daqueles pobos veciños.

e os que buscan o saber,
non coñeceron o camiño da sabedoría
nin se lembraron dos seus vieiros.
[24]Israel, que grande é a Casa do teu Deus!
Que ancho é o lugar dos seus dominios!
[25]Grande, e non ten fin;
alto, e non ten medida.
[26]Alí foron xerados
os famosos xigantes dun tempo,
foron grandes, expertos na guerra.
[27]Pero a estes non os escolleu Deus,
nin lles ensinou o camiño da ciencia,
[28]e pereceron por non teren discernimento,
pereceron por falta de reflexión.
[29]Quen subiu ao ceo
para coller a sabedoría
e facela baixar desde as nubes?
[30]Quen pasou á outra beira do mar,
para buscala e traela
a prezo de ouro precioso?
[31]Non hai quen coñeza o seu camiño,
nin quen discorra o seu vieiro.

### C. *Só Deus coñece a sabedoría e, coa Lei, deulla a Israel*

[32]Pero o que o sabe todo, coñécea,
invéntaa co seu saber.
O que formou a terra para a eternidade,
encheuna de animais de catro patas.
[33]O que lle manda á luz que veña,
chamouna e ela obedeceu con temor.
[34]As estrelas resplandeceron
lediciosas nos seus escondedoiros,
[35]El chamounas e respondéronlle:
"Aquí estamos!"
Resplandeceron con ledicia
para o seu Creador.
[36]Este é o noso Deus,
non hai outro a El comparable.
[37]El inventou todo o camiño da sabedoría
e ensinóullelo a Xacob,
o seu servo, e a Israel, o seu benquerido.
[38]Despois disto, a sabedoría
apareceu sobre a terra
e viviu entre os homes.

**4** [1]Ela é o libro
dos mandamentos de Deus,
a Lei que permanece para sempre.
Todos os que a aprecian terán a vida,
e os que a deixan a un lado perecerán.

### Exhortación á conversión e a camiñar á luz da Lei

[2]Convértete, Xacob, e abrázaa;
camiña cara á claridade,
ao encontro da súa luz.
[3]Non lle deas a outro a túa gloria;
nin os teus privilexios
a unha nación estranxeira.
[4]Somos felices, Israel,
porque o que agrada a Deus
déusenos a coñecer.

### Exhortación e consolo de Xerusalén:
### A. *Exhortación aos exiliados*

[5]Ten coraxe, meu pobo,
memorial de Israel!
[6]Fostes vendidos ás nacións,
pero non para a perdición;
por anoxardes a Deus

**3**, 29-31 Expresións tomadas de Dt **30**, 11-14, onde se refiren á Lei e que expresan a imposibilidade do home de chegar a conseguir o coñecemento da Lei revelada. Expresan aquí a transcendencia da verdadeira sabedoría. Prepárase así a identificación da sabedoría coa Lei revelada (**4**, 1).

**3**, 32 Deus, significado polo título "O que o sabe todo", é o autor ou inventor da sabedoría, da que deu mostras claras na creación.

**3**, 33-35 Non se fala aquí da luz como obra creada por Deus ( v. 35b), senón como símbolo da sabedoría. Así como a luz guía ao home no seu camiñar, tamén a sabedoría guía ao sabio no seu comportamento. Deste xeito, o Deus creador da luz vólvese autor e creador da sabedoría (v. 27).

**3**, 37 A revelación divina aos patriarcas interprétase como revelación da sabedoría transcendente.

Algunhas versións e algúns escritos eclesiásticos antigos entenderon este v. en sentido mesiánico, tomando pé das expresións "o seu servo" e "o seu benquerido". Con todo, o contexto esixe considerar como suxeito a sabedoría, e esas expresións como referidas a Xacob-Israel, o pobo.

**4**, 1 Esta identificación da sabedoría revelada (que aluma o camiño dos homes) coa Lei e co libro dos mandamentos, vén preparada pola cita de Dt **30**, 10-14 (cf nota a **3**, 29-31). A mesma identificación aparece no Sirácida (**24**, 24). Constitúe o cume da súa exposición sapiencial e prepara a chamada á conversión e a camiñar na claridade da súa luz (vv. 2ss).

**4**, 3 A gloria de Xudá é a Lei que lle foi dada, e que constitúe a razón da súa esperanza de felicidade.

**4**, 5 *Memorial*: era a parte da ofrenda de vexetais que se consumía no altar dos perfumes en honor de Deus. Paralelamente, o exilio e a diáspora son ofrenda expiatoria por Israel.

**4**, 5-**5**, 9 Esta última sección de Baruc é de estilo profético, ao xeito do II e III Is (cf Introd., 2). Consta de diversas partes: a) na estrofa introdutoria (vv. 5-8) o profeta consola os deportados ou os da Diáspora, dicíndolles que a súa situación é consecuencia dos seus pecados contra Deus e contra Xerusalén, e que terá remedio; b) seguen seis estrofas (vv. 9-13; 14-18; 19-20; 21-24; 25-26; 27-29), nas que Xerusalén se queixa, exhorta e consola as cidades veciñas e seus fillos, anunciándolles que a situación rematará cando Deus depoña a súa ira. Xerusalén aparece como inocente fronte aos seus fillos culpables, e está simbolizada nunha matrona-nai que leva esperanzas aos seus fillos deportados; c) acaba a sección con catro estrofas (**4**, 30-35. 36-37; **5**, 1-4. 5-9), nas que o profeta anima e consola a Xerusalén coa volta dos seus fillos desde o nacente e o poñente (o que supón un ambiente de Diáspora, e non de exilio en Babilonia).

fostes entregados aos vosos inimigos,
[7]pois enchestes de ira ao voso creador,
ofrecendo sacrificios aos demos
e non a Deus.
[8]Esquecestes o Deus eterno
que vos deu de comer,
e entristecestes a Xerusalén,
que vos alimentou.

**B.** ***Xerusalén exhorta e consola os seus fillos***

[9]Velaí, Xerusalén viu a ira
que viña contra vós de parte de Deus,
e dixo:
"Escoitade, veciñas de Sión,
Deus trae sobre min unha gran dor,
[10]pois vin a deportación dos meus fillos
e das miñas fillas,
que o Eterno fixo vir sobre eles.
[11]Crieinos con gozo,
pero mandeinos con xemidos e con dores.
[12]Que ninguén se alegre por min,
viúva e abandonada de todos.
Volvinme un deserto
polos pecados dos meus fillos,
porque se apartaron da Lei de Deus
[13]e non coñeceron os seus preceptos,
nin camiñaron polos camiños
dos seus mandamentos,
nin marcharon polos vieiros da educación
conforme a súa xustiza.
[14]Que veñan as veciñas de Sión!
Si, lembrádevos da catividade
dos meus fillos e das miñas fillas,
da catividade que o Eterno
lles botou enriba,
[15]pois trouxo contra eles
unha nación de lonxe,
unha nación fachendosa,
e de lingua estraña,
que non tivo respecto ao ancián
nin piedade co meniño,
[16]que levou os fillos queridos da viúva
e que a deixou soa, privada das súas fillas.
[17]E eu, en que vos podo axudar?
[18]Pero o que trouxo
estas calamidades sobre vós,
libraravos das mans dos inimigos.
[19]Camiñade, filliños, camiñade,
que eu quedei feita un deserto.
[20]Xa quitei a roupa da fartura
e vestín o saco da miña súplica,
clamarei ao Eterno durante os meus días.
[21]Tede ánimo, filliños.
Clamade a Deus,
que El vos librará da tiranía,
da man dos inimigos,
[22]pois eu puxen no Eterno
a esperanza da vosa salvación,
e xa me veu do Santo unha ledicia,
pola misericordia
que moi logo vos virá
do voso eterno Salvador.
[23]Pois mandeivos con dor e xemidos,
pero Deus devolveravos a min
con ledicia e gozo para sempre.
[24]Como as veciñas de Sión
viron o voso desterro,
así verán axiña a salvación
que vén do voso Deus:
salvación que vos virá coa grande gloria
e co esplendor do Eterno.
[25]Filliños, aguantade con paciencia
a ira de Deus que veu sobre vós.
O teu inimigo perseguiute,
pero ben logo verás a súa ruína
e camiñarás sobre as súas cabezas.
[26]Os meus meniños mimados
marcharon por camiños esgrevios,
fóronme arrebatados como un rabaño
roubado polos inimigos.
[27]Ánimo, meniños: clamade a Deus,
que o que vos castigou lembrarase de vós.
[28]Como discorrestes
para vos apartardes de Deus,
así, unha vez convertidos a El,
buscádeo con moitos máis azos.
[29]Porque o que vos mandou
estas desgrazas,
mandaravos a alegría eterna
xunto coa vosa salvación".

**4**, 10 *O Eterno*: nome divino usado por Baruc nesta sección para expresar a inmutabilidade do plan de Deus, que traerá salvación, unha vez purificada polo castigo.
**4**, 12 *De todos*. O grego "pol-lón", correspondente ao hebreo "rabbim", significa moitos por oposición a "poucos", e vén equivaler a "todos".
**4**, 17 *Eu*. Refírese a Xerusalén.
**4**, 18 *Trouxo sobre*. O verbo empregado ten o sentido de levar, pero en Baruc ten máis ben o de traer sobre alguén unha calamidade, castigar (cf v. 27).
**4**, 20 *Roupa da fartura*: lit. "da paz", no sentido reflectido na nota a **3**, 13. Vai contraposto a "saco da miña súplica", alusivo á roupa feita con febras vexetais moi ásperas (esparto normalmente), e que se vestía para a lamentación colectiva.
**4**, 23 *Ledicia e gozo*, reflicten a disposición de ánimo dos que volven para a súa terra, desde a Diáspora (**4**, 29. 36) ou desde o exilio (Is **51**, 3-11; **52**, 9; **55**, 12; **60**, 15; **61**, 3).
**4**, 25 *Camiñar sobre as cabezas*: era un xesto para humillar o vencido, implantado polos asirios no s. VIII a. C.

**O profeta consola a Xerusalén**

30 Ánimo, Xerusalén!,
que o que che deu o seu nome
consolarate.
31 Malditos os que che fixeron mal
e se alegraron coa túa caída.
32 Malditas as cidades
ás que serviron teus fillos,
maldita a que recibiu os teus fillos,
33 pois, o mesmo que se alegrou
da túa caída
e se encheu de gozo pola túa ruína,
así entristecerá por quedar erma
ela mesma.
34 Certo, quitareille a alegría
á súa poboación numerosa,
e a súa fachenda converterase en dor.
35 Pois o Eterno fará vir sobre ela
un incendio durante moitos días,
e estará habitada polos demos
durante moito tempo.
36 Mira para o nacente, Xerusalén,
e olla a ledicia que vén de Deus.
37 Velaí veñen os teus fillos,
os que ti deixaches marchar,
veñen desde o nacente ata o poñente,
reunidos pola palabra do Santo,
alegrándose coa gloria de Deus.

**5** 1 Xerusalén, quita o vestido
da túa dor e da túa desgraza,
e viste para sempre o esplendor
da gloria que vén de Deus.
2 Envólvete no manto glorioso
da xustiza que vén de Deus:
pon na túa cabeza o diadema
da gloria do Eterno.
3 Deus vai mostrar o teu esplendor
a toda cidade baixo o ceo,
4 pois Deus fará que o teu nome
sexa para sempre
"paz da Xustiza e Gloria da Piedade
diante de Deus".
5 Ponte de pé, Xerusalén,
ponte de pé no alto,
e mira cara ao nacente,
olla aos teus fillos reunidos
pola palabra do Santo,
alegres pola lembranza do Señor
desde o poñente ata o nacente.
6 Saíron de onda ti,
levados a pé polos inimigos,
pero Deus devólvechos
en andas de gloria,
como un trono de realeza.
7 Pois mandou o Señor que se rebaixasen
os montes altos e os vellos outeiros
e que os barrancos se enchesen
volvéndose chairas,
para que Israel camiñe con paso seguro,
guiado pola gloria de Deus;
8 e por orde de Deus as árbores do bosque
e as plantas recendentes
déronlle sombra a Israel.
9 Si, Deus conducirá a Israel
con alegría á luz da súa gloria,
coa misericordia e a xustiza
que están con El.

**4**, 30 Coa expresión "cidade de Iavé" (implícita no texto), expresábase a pertenza a Iavé da cidade de Xerusalén, lugar onde Deus habitaba (cf Is **60**, 14; **62**, 4. 12; Xer **33**, 16).
**4**, 35 *Estar habitada polos demos* equivale a quedar deserta, pois o deserto era a morada dos demos.
**4**, 36 O nacente é no II Is o lugar de onde vén a Salvación (cf Is **41**, 2. 25; **46**, 11; Mt **2**, 2). Non obstante, neste caso veñen de todas partes (cf v. 37) por onde estaban dispersados.
**5**, 4 *O teu nome*: O nome de Xerusalén ten o valor da súa futura significación: paz (fartura, prosperidade), que vén da acción salvífica de Deus, verdadeira xustiza e gloria do pobo.
**5**, 9 Esta última estrofa, moi próxima ao Sal **11** do libro apócrifo dos Salmos de Salomón, describe a volta da Diáspora como un segundo Éxodo, ao estilo do II e III Is.
**5**, 6 *En andas de gloria*: lit. "levantados con gloria".

# INTRODUCIÓN Á CARTA DE XEREMÍAS

## 1. A Carta de Xeremías, nas edicións da Biblia

*Como deixamos dito na Introdución ao libro de Baruc, esta peza literaria, ausente da Biblia hebrea, constituíu para a tradición grega unha unidade independente do libro de Baruc. A mesma tradución "Vetus Latina", que pasou á Vulgata, aínda que a coloca como o capítulo 6 de Baruc, conservou o prólogo da Carta, para significar a súa independencia. Por estas razóns, tratamos a Carta de Xeremías como unha obra independente.*

## 2. Xénero literario da obra

*A obriña preséntase como unha carta de Xeremías aos exiliados, tomando ocasión do dato ofrecido en Xer **29**; pero, se atendemos ao contido, non podemos pensar o mesmo, pois é unha homilía expositiva e exhortativa, na que se critica sarcasticamente a vacuidade e inutilidade dos ídolos e do seu culto. Cada parágrafo conclúe cunha fórmula exhortativa, repetida con pequenas variacións nos vv. 4. 14. 22. 39. 44. 50. 51. 56. 64. 68. 71. A finalidade de tal homilía era, sen dúbida, a liturxia sinagogal (a súa estrutura expositiva e exhortativa é semellante á da Carta aos Hebreos).*

## 3. Ambiente vital que provoca a escritura desta Carta

*O escrito non está pensado para a polémica contra os babilonios aínda que parte da identificación dos ídolos coas súas imaxes, senón que é un reforzamento das convicción hebreas, que prohibían o uso cúltico das imaxes.*

*A descrición das prácticas idolátricas é moi detallada e plástica, o que dá pé para o coñecemento das mesmas. Na súa ficción de carta de Xeremías aos deportados a Babilonia, é lóxico que se refira ás prácticas caldeas, con alusións ao culto de Marduk (= Bel) e de Ixtar, divindades que teñen o seu paralelo no culto siro-fenicio en Hadad (= Baal e Axtarté), con formas cúlticas moi semellantes ás babilónicas. En Homero estas divindades pasan ao culto grego, especialmente Ixtar, que é a Afrodita protectora dos troianos, asumindo Zeus as prerrogativas de Baal.*

## 4. A cuestión do autor

*Este sermón non é de Xeremías, pois aínda que teña como antecedente Xer **10**, 1-16, depende tamén do II Is (cf Is **40**, 19-20; **41**, 67; **44**, 9-20; **46**, 1-9), e vai continuar en Sab **13-15** e Rm **1**, 18-32. Iso esixe situar a elaboración deste escrito en tempos ben posteriores aos do profeta de Anatot.*

## 5. Lingua e destinatarios

*As referencias ao culto babilónico non ofrecen dúbida, e veñen coincidir cun florecemento deses cultos idolátricos na época helenística, no tempo dos seléucidas. Así, a Carta de Xeremías resulta ser unha homilía para evitar os perigos deste culto tentador. A homilía foi escrita probablemente en hebreo ou en arameo; cando menos, depende do hebreo, pois o v. 69 é paralelo co hebreo de Xer **10**, 5, que debeu destinarse ás comunidades hebreas da diáspora babilónica durante a época seléucida. O texto semita orixinario perdeuse, e soamente se conservou o texto grego, que é anterior ao século I a. C., pois atopouse en Qumrân un fragmento cos vv. 43-44, que data do ano 100 a. C.*

*Téñase en conta que o helenismo supuxo un renacemento e internacionalización das diferentes culturas tradicionais dos diversos pobos. Este feito cultural dificulta a fixación dos destinatarios, pois atópanse en Siria, na época seléucida, formas cúlticas moi semellantes. Con todo, as referencias ao culto pagán, presentes na Carta, resultan máis claras referíndoas ao culto babilónico de Bel (= Marduk), o deus da guerra (v. 14), da fortuna (v. 34), da xustiza (v. 13) e da chuvia (v. 52), e tamén ao culto da deusa Ixtar, deusa do amor e mais da guerra, cun sacerdocio feminino (vv. 28-29) e con prostitución sagrada (vv. 42-43).*

# CARTA DE XEREMÍAS

Copia da carta mandada por Xeremías aos deportados a Babilonia, que ían ser castigados polo rei de Babilonia, para lles anunciar o que lle foi mandado por Deus.

[1]Polos pecados cos que pecastes contra Deus, unha vez levados cativos a Babilonia, seredes aflixidos por Nabucodonosor, rei de Babilonia. [2]Cando entredes en Babilonia, estaredes alí moitos anos e longo tempo, ata sete xeracións; despois disto, sacareivos de alí en paz. [3]Durante ese tempo ides ver en Babilonia deuses de prata, de ouro e de madeira, levados aos ombreiros, que lles infunden terror aos xentís. [4]Tede coidado, pois, de non vos asemellardes en nada a eles imitando aos doutras razas, e de que o terror ante eses deuses non vos afecte a vós, [5]vendo a multitude que por diante e por detrás os adora. Tede sentido, e dicide: "A ti, Señor, hai que adorar". [6]Pois o meu anxo está convosco, e el é o que pedirá contas das vosas vidas.

[7]A boca dos ídolos está limada polo escultor, están recubertos de ouro e de prata; son falsos e non poden falar. [8]Como se fose para unha moza presumida, estas xentes preparan coroas de ouro para pór na cabeza dos seus deuses. [9]E mesmo acontece ás veces que os sacerdotes lles collen ás agachadas ouro e prata aos seus deuses, para gastaren no seu propio proveito, e chegan a dárllelo ás prostitutas que están na terraza. [10]Tamén os adornan con vestidos, como se fosen homes, sendo así que son deuses de ouro, de prata e de madeira, que non se libran da traza e da ferruxe. [11]Están vestidos de púrpura, pero teñen que lles limpar a cara, por causa do po do templo que se amontoa sobre eles. [12]É xuíz da rexión, e ten un cetro, pero non é quen de eliminar a quen o insulta. [13]Ten na man dereita un puñal e unha machada, pero non se defende dunha agresión, nin dos ladróns. [14]Con isto deixan ver claramente que non son deuses; non lles teñades respecto.

[15]O mesmo que un cacharro da casa, ao romper, resulta inservible, así son os seus deuses, unha vez que os poñen nos seus templos. [16]Os seus ollos están cheos do po dos pés dos que alí entran. [17]O mesmo que a un que inxuriou a un rei o pechan seguro no cárcere como aos condenados a morte, así os sacerdotes fortifican os seus templos con portóns, ferrollos e trancas, para que non sexan roubados polos ladróns. [18]Os sacerdotes prenden máis lámpadas das que eles mesmos precisan, aínda que os deuses non poden ver ningunha delas. [19]Resulta que son coma unha trabe das do templo, das que se di que o seu interior ten a traza, pero eles non senten os vermes que os devoran a eles e os seus vestidos. [20]Teñen a cara ennegrecida co fume do templo. [21]Sobre os seus corpos e as súas cabezas voan morcegos, andoriñas e paxaros, e por alí andan os gatos. [22]Con isto comprenderedes que non son deuses; non lles teñades respecto.

[23]Pois eles non farían brillar o ouro que como adorno os recobre, se alguén non lles limpase o ferruxe, pois nin se daban de conta cando os forxaban. [24]Foron comprados a moito prezo, pero nin sequera hai espírito neles. [25]Por non teren pés, son levados nos ombreiros, mostrándolles así aos homes a súa propia deshonra; e mesmo os que os axudan senten vergonza, porque, se algunha vez caen ao chan, teñen que ser levantados por eles; [26]e porque, se un o pon dereito, non se pode el inclinar por si mesmo, e, se se inclina, xa non se pode erguer. Pois as ofrendas preséntanse-

2 *Sete xeracións* (= un montón de tempo), reforma o dato de Xer **27**, 7 (tres xeracións), e o dos 70 anos, de Xer **25**, 11-12; **29**, 10; cf 2 Cro **36**, 21; Dn **9**, 2. A razón do cambio é que, para o noso autor, o exilio continúa en sentido teolóxico coa diáspora, non obstante a reconstrución do templo e da cidade de Xerusalén a partir do 538.

3 *Levados aos ombreiros*: referencia á procesión da festa do Ano Novo en Babilonia (cf v. 5).

9 *Terraza*. Segundo Heródoto (I. 181-182), o templo de Zeus-Bel, construído en forma de cigurat, tiña no último piso unha capela para unha sacerdotisa, esposa de Zeus, que alí durmía. O mesmo costume existía en Tebas (Exipto), e en Patara de Licia (Heródoto II. 182).

12 *Xuíz*. En grego, sen artigo, ten o valor dun título da divindade, e expresa a súa función protectora e punitiva.

17 Esta comparación dos deuses pechados no santuario, cos malfeitores no cárcere, atópase tamén en Filón de Alexandría ("De Decálogo", 74).

*Cárcere*: a palabra grega significa "patio". Pero o patio do pazo do rei era cárcere (cf Xer **37**, 21).

24-26 Recollen os temas habituais da polémica contra os ídolos: falta de espírito (Sal **135**, 17; Xer **10**, 14; Hab **2**, 19) e incapacidade para se moveren (Sal **115**, 7; Is **46**, 7; Xer **10**, 5).

25 *Mesmo os que os...*: cf nota ao v. 5.

26 *As ofrendas* de comida non tiñan cabida no ritual fúnebre hebreo (cf Dt **26**, 14; Tob **4**, 18; Eclo **30**, 18). Por iso as ofrendas idolátricas considéranse inútiles, feitas aos mortos.

lles a eles o mesmo que aos mortos. [27]Os seus sacerdotes venden as carnes dos sacrificios e sacan proveito; e as mulleres dos sacerdotes non reparten co pobre e co enfermo, senón que poñen esas carnes en salmoira. A muller menstruante e a acabada de parir tócanlles ás carnes do sacrificio. [28]Sabedes, pois, que non son deuses; non lles teñades respecto.

[29]De onde vén, logo, que se chamen deuses? Son simples mulleres as que presentan a ofrenda a deuses de ouro, de prata e de pau; [30]os sacerdotes que están nos seus templos conducen os carros coas túnicas rachadas e coas cabezas e barbas rapadas, [31]e, como se fai no banquete por un morto, berran coa cabeza descuberta, clamando diante dos seus deuses; [32]cos vestidos que os sacerdotes lles quitan aos deuses, visten as súas mulleres e os fillos.

[33]Se non senten o ben nin o mal de parte dun calquera, non poderán devolver conforme o merecido; nin poden pór rei nin quitalo, [34]o mesmo que non poden dar riqueza nin diñeiro. Se un que fai un voto non o cumpre, non lle piden conta ningunha. [35]Non poden en absoluto salvar un home da morte, nin librar o débil do poderoso. [36]Non lle poden devolver a vista a un cego, nin librar o que está nun aperto. [37]Non poden sentir compaixón da viúva nin lle farán ben ao orfo. [38]Esas cousas de madeira recubertas de ouro e de prata son semellantes ás pedras traídas do monte; e os que lles dan culto hanse avergonzar. [39]Como se pode, pois, pensar e confesar que eles son deuses?

[40]E aínda máis: os mesmos caldeos deshonran a estes deuses, pois, cando ven a un mudo que non é capaz de falar, lévano onda Bel e pídenlle que o mudo fale, como se Bel fose capaz de escoitar. [41]Non son quen de discorrer para deixaren estas cousas, porque non teñen intelixencia. [42]Tamén as mulleres, cinguidas cunha corda, sentan nos camiños a queimar o farelo; [43]e, cando algunha delas, solicitada por algún dos que pasan ao lado, se deita con el, despreza á súa compañeira porque non foi escollida e porque a súa corda non foi rompida. [44]Todo o que fan na súa honra, é mentira. Como, pois, se pode crer e afirmar que eles son deuses?

[45]Estes ídolos foron fabricados por artistas e ourives; por iso non son outra cousa do que os artistas queren que sexan. [46]E eles, os que fabrican estes ídolos, non duran moito tempo: como poderán ser deuses as cousas fabricadas por eles?

[47]Mentira e vergonza é o que lles deixaron aos seus descendentes. [48]Cando sobreveñen guerras e calamidades contra estes ídolos, os sacerdotes deliberan entre si onde esconderse cos ídolos. [49]Como, pois, non teñen a capacidade de comprender que non son deuses os que non son capaces de librarse a si mesmos da guerra e das calamidades? [50]Pois, sendo como son, anacos de madeira recubertos de ouro e prata, comprenderase que son mentira; quedaralles claro a todos os xentís e aos seus reis que non son deuses, senón feitío das mans dos homes, e que non hai neles nada de divino. [51]Quen non se decatará de que non son deuses?

[52]Eles non poden suscitar o rei da rexión, nin darlles aos homes a chuvia, [53]nin fallar os preitos entre eles, nin defender o inxuriado, sendo impotentes como son, pois son coma corvos voando entre o ceo e a terra. [54]Cando prenda o lume nos templos dos deuses de madeira recuberta con ouro e prata, entón os seus sacerdotes fuxirán para se salvar; pero eles arderán completamente, o mesmo ca as trabes do teito. [55]Tampouco son capaces de lle facer fronte ao rei, nin aos inimigos. [56]Como, pois, se pode admitir ou crer que son deuses?

27 En Israel o pobre e o enfermo eran invitados oficiais dos sacrificios (Dt **14**, 28-29; **26**, 12-14). O poñer en salmoira as carnes do sacrificio está prohibido en Israel, pois esas carnes santificaban o que tocaban. A muller en estado de impureza ritual (menstruación ou parto) execraba o sacrificio (Lev **12**, 2-3; **15**, 19-20).

29 *As mulleres* nunca exerceron funcións sacerdotais, sen dúbida por razóns de pureza ritual e de falta de forza física.

30 *Conducen...:* alusión aos carros das procesións cúlticas de Babilonia e Siria. O texto latino interpretou o grego no sentido de "están sentados", en vez de "conducen". As vestiduras rachadas e o rapado de pelo e da barba son ritos de dó fúnebre, que lles estaban prohibidos aos sacerdotes hebreos (Lev **21**, 5-6. 10). O texto alude aos ritos fúnebres da festa do Ano Novo, na que se celebraba a morte e resurrección do deus Bel (cf Ez **8**, 14).

33 Iavé nomea e rexeita o rei, en Israel (Xaúl, David, Roboam...) e incluso fóra de alí (cf Is **45**, 1-7: Ciro).

35-37 Estas mostras da vitalidade de Iavé pertencían aos aspectos fundamentais da fe e do culto hebreo.

42 Alusión ás prácticas da prostitución sagrada realizadas en Babilonia en honor de Axtarté (= Afrodita), das que nos informa con detalle Heródoto (Her I, 199). A corda cinguida á cabeza e o queimar farelos tiñan unha finalidade máxica e afrodisíaca.

45-47 Estes vv. son paráfrase de Is **44**, 11 e Xer **10**, 9. Aparecerán aínda máis ampliados en Sab **15**, 7-9. 16-17.

50 *Feitío* (obra) *das mans dos homes*: expresión habitual para nomear os ídolos (cf Dt **4**, 28; 2 Re **19**, 18; Sal **115**, 4; **135**, 15; Sab **13**, 10).

[57]Os deuses de madeira recuberta de ouro
e prata nin sequera se poderán librar dos la-
dróns e dos salteadores, pois estes poden máis
ca eles; arrincan o ouro e a prata, collen os
vestidos que os cobren, e marchan; os deuses
nin sequera se poden axudar a si mesmos. [58]É
mellor ser un rei que presume da súa propia
valentía ou mesmo un utensilio caseiro que
lle fai servizo a quen o comprou, ca eses deu-
ses falsos. Tamén é mellor ca eses deuses fal-
sos a porta da casa, que garda as cousas que
hai nela; ou mesmo unha columna de madeira
nun pazo. [59]O sol, a lúa e as estrelas que bri-
llan e teñen unha función que cumprir, son
obedientes; [60]do mesmo xeito, o lóstrego, can-
do se produce, é ben visible, e o mesmo vento
sopra en toda a rexión; [61]igualmente, cando
Deus lles manda ás nubes que camiñen por
toda a terra, elas cumpren o mandado; o lume,
que é enviado desde arriba para consumir os
montes e os bosques, fai o que se lle mandou.
[62]Pero aqueles ídolos nin no aspecto nin no
poder se lles parecen: [63]por iso nin se han re-
coñecer nin proclamar como deuses; non son
capaces nin de fallar un xuízo nin de lles facer
ben aos homes. [64]Pois sabedes que eles non
son deuses, non lles teñades respecto.

[65]Nin son quen de maldicir os reis nin de
bendicilos. [66]Tampouco non son quen de lles
mostrar aos xentís sinais no ceo, nin de res-
plandecer coma o sol, nin de alumar coma
a lúa. [67]As feras do monte son superiores a
eles, xa que son capaces de axudarse a si
mesmas refuxiándose nunha cova. [68]De nin-
gún xeito, pois, se nos mostran como deuses,
non lles teñades respecto.

[69]O mesmo ca un espantallo no cabazal,
que non garda nada, así son os seus deuses
de madeira recuberta de ouro e prata. [70]Eses
deuses parécense, polo seu aspecto, a unha
silveira nun horto, onde pousa toda a paxara-
da, e tamén a un morto, posto nun lugar escu-
ro. [71]Pola púrpura e o luxo que van perdendo
o brillo enriba deles, poderedes recoñecer
que non son deuses; e ao cabo consumiranse
e serán a vergonza do país. [72]Mellor, pois, ser
un home xusto que non ten ídolos, pois estará
lonxe da vergonza.

57-58 Contrasta a inutilidade dos ídolos para se defender a si mesmos, coa utilidade dos outros elementos da creación: o rei, a porta da casa, ou a columna dun pazo.
59-67 Son unha ampliación de Is **44**, 1-**46**, 13; Xer **10**, 10-13, onde se opón a inutilidade dos ídolos ao poder de Deus, demostrado na obediencia da creación ás súas ordes.
69 *Cabazal*: lit. "plantación de cogombros", que é unha cita de Xer **10**, 15, segundo o hebreo (o que fai supoñer que o autor usou o texto hebreo de Xer).
71 *Luxo*. O vocábulo grego empregado non soamente significa mármore, senón tamén brillantez, esplendidez, luxo.

# INTRODUCCIÓN AO LIBRO DE EZEQUIEL

## 1. Ezequiel e a súa personalidade

*Ezequiel, segundo a cronoloxía interna do libro, tiña trinta anos cando recibiu a vocación profética no desterro; era o ano 593/2, que corresponde ao ano quinto da deportación de Ioaquín ou Ieconías, acontecida no ano 598/7. Era fillo do sacerdote Buzí, do templo de Xerusalén, que foi deportado xunto co devandito rei Ioaquín e os principais do reino.*

*A profesión sacerdotal de seu pai e del mesmo reflíctese no texto, especialmente nas fórmulas declaratorias propias da instrución cúltica, nos oráculos en forma de "torah" profética, e no interese polo templo e a lexislación sagrada, dos capítulos **40-48**. Estaba casado e profundamente namorado da súa muller (**24**, 16. 18), pero enviúva de repente, pouco antes da caída de Xerusalén (587/6).*

*A súa personalidade profética resulta un pouco especial, porque nel son frecuentes as visións profético-místicas de tipo dramático, que tanto influirán na apocalíptica, ata o punto de que moitos autores o consideran o pai da apocalíptica (cf **1**, 1-**3**, 15; **3**, 16ss; **3**, 22ss; **8-11**; **37**, 1-14; **40-48**). Son frecuentes tamén en Ezequiel as accións simbólicas e case mímicas, nas que deberon influír a súa orixe sacerdotal e maila observación atenta do culto babilónico (cf a visión do carro da gloria de Iavé, inspirado no carro procesional de Marduk, na festa de Ano Novo). Tamén se percibe en Ezequiel unha certa propensión ao abatemento e á insensibilidade, que o levan a quedarse mudo por tempadas (**3**, 26ss; **24**, 27; **33**, 22).*

*O feito de que algúns psicólogos consideren a súa personalidade como a dun cataléptico (pois perde a fala) ou dun esquizofrénico (devora o rolo **3**, 8-10; **4**, 12-17), débese ao esquecemento do carácter simbólico da linguaxe profética e da función eminente de comunicación que corresponde ás accións simbólicas.*

*Baixo o punto de vista literario, en Ezequiel atópase unha certa tendencia intelectual a compoñer grandes unidades perfectamente artelladas, elemento este no que se anticipa a arquitectura literaria propia da apocalíptica. Baixo o punto de vista formal, atopamos en Ezequiel o verso libre e a prosa rimada con repetición dos mesmos termos claves.*

## 2. Lugar da actividade do profeta

*Segundo unha serie de referencias do texto, o profeta actúa entre os deportados en Babilonia, pois é aquí onde recibe a vocación profética (cf **1**, 2. 3; **11**, 24. 25 ... ). A pesar destas afirmacións do texto, boa parte dos oráculos dos capítulos **1-24** diríxense a Xerusalén e aos seus habitantes; e neles, o profeta deixa ver ás claras que coñece a fondo os seus problemas relixiosos e de fe, mentres que silencia a presenza de Sedecías en Babilonia e os problemas dos desterrados. A meirande parte dos comentaristas sosteñen que o lugar da actividade é só Babilonia, pois a comunidade dos deportados está perfectamente informada dos problemas de Xerusalén; porén, este problema do lugar único da actividade do profeta está sen resolver definitivamente.*

## 3. Actividade de Ezequiel por épocas

a. Desde a súa vocación (593/2) ata a caída de Xerusalén (587/6)

*Os anos que preceden á vocación do profeta en Babilonia, están marcados polas tensións político-militares, pois segundo as crónicas babilónicas, no 596/5 Nabucodonosor ten que loitar cun rei descoñecido, e sometelo; despois disto ten que afogar uns intentos de rebelión no propio exército. Estes feitos son aproveitados polos falsos profetas e profetisas do exilio (**13**, 1-23) para proclamar no nome de Iavé a volta do rei Ioaquín e dos que foran deportados con el. Un testemuño destas falsas esperanzas é a carta recollida en Xeremías (**29**, 5-7). O mesmo relato vocacional de Ezequiel é unha resposta a esta problemática: a gloria de Iavé está cos deportados xunto ao río Quebar, onde se lle aparece; por isto non é tan urxente tornar a Xerusalén, senón que hai que purificarse dos pecados con castigos aínda maiores, cousa que trata nos capítulos **4-7**: o castigo do asedio de Xerusalén (**4**, 1-2); da fame (**4**, 9-11); da morte e deportación (**5**, 1-2. 5ss); do día do Señor (c. **6**). Con todas estas predicións pretende desartellar as falsas esperanzas dos deportados na inminente volta a Xerusalén. O fundamento teolóxico destes castigos é sempre algo xeral: a rebeldía, as abominacións, os ídolos, etc. Con todo, isto responde ás prácticas idolátricas realizadas no templo de Xerusalén, sen que poidamos concretar se*

*se trata de actos de culto aos ídolos, ou da fe e esperanza postas polos magnates na alianza con Exipto.*

*Ao ano seguinte da súa vocación (591) négase a que os anciáns do pobo deportado o consulten, e, en resposta, lémbralles toda a historia de pecados que os antecederon (c.* ***20****), o mesmo que na alegoría dos capítulos* ***16*** *e* ***23*** *expresa en clave matrimonial a falta de fe, esperanza e amor do pobo en Deus. Os seus destinatarios rexéitano con burlas (****12****, 22. 27), pero el contrapón a súa mensaxe á dos falsos profetas e profetisas (****13****, 1-23), que lle anuncian ao pobo a paz, para que non se converta. Ezequiel critícaos por motivos teolóxicos: sacralizan o templo e mailas outras institucións, pero esquecen o ambiente teolóxico onde xorden (as Alianzas do Sinaí e con David), e non son fieis ás estipulacións das Alianzas (****14****, 1-10).*

*No ano 588, denuncia o profeta a política errada de Sedecías de abandonar a confianza en Iavé e na súa alianza (****22****, 1-22), para fiarse de Exipto (****17****, 1-10), e anuncia a inminencia do desastre que vén de Babilonia (****21****, 23-32;* ***24****, 1-10).*

*No ano 587 pronuncia unha serie de oráculos contra Exipto, denunciando o seu orgullo (****19****, 1-6;* ***31****, 1-18) e anunciando a súa derrota militar (****30****, 20-26).*

*No ano 586 (antes da caída de Xerusalén: o 19 de xullo), acontece a acción simbólica na que colaboran Deus (mandándolle a morte repentina á esposa do profeta) e o propio profeta (con xestos simbólicos:* ***24****, 15-24). Na data da caída de Xerusalén, o profeta queda inmobilizado ata o 5 de xaneiro que segue (****33****, 21-22), para expresar simbolicamente a situación de morte e falta de esperanza na que caen os deportados do 598/7.*

b. A partir do 5 de xaneiro do 585

*Recobrada a fala, pronuncia oráculos contra as nacións pagás que colaboraran ao gran desastre: Amón, Moab, Edom, a Filistea (c.* ***25****), Tiro (****26****, 1-6) e Exipto (c.* ***32****). Denuncia os responsables teolóxicos do gran desastre: príncipes, nobres, profetas, sacerdotes e terratenentes (****22****, 23-31. 34).*

*Despois deste primeiro pronunciamento para pedir responsabilidades, trata de resolver un problema teolóxico: superar os vellos esquemas da retribución colectiva por unha teoloxía da retribución individual: todos fracasan porque todos e cada un son pecadores (****18****;* ***22****, 18-22;* ***33****, 12-20).*

*O remate da súa predicación son palabras de esperanza, pois as promesas divinas feitas aos patriarcas non poden fallar. A chamada que fai á conversión e á esperanza vén determinada polas antigas institucións e realidades salvíficas, levadas á súa perfección; e deste xeito, Deus en persoa apacentará o seu rabaño (****34****, 11-16), que será un pobo formado polos dous reinos (****37****, 15-24), cos que se concluirá unha alianza nova e definitiva. Nos tempos esperados, a mesma natureza será renovada (c.* ***36****), de xeito que o pobo de Deus recibirá do Señor un corazón novo e un espírito novo (****11****, 16-21).*

*Ezequiel, seguindo a tradición profética, recolle de Isaías e Xeremías o tema do dinamismo da palabra, tal como se percibe na visión dos ósos secos, que recobran vida ao esconxuro da palabra profética. Baseado na concepción hebrea do ser humano, da que é un elemento clave a resurrección dos ósos mortos, procura levar a esperanza aos exiliados.*

*A obra de Ezequiel remata facendo inclusión literaria co comezo: a visión do novo templo, que recibirá a gloria de Deus ao tornar do desterro, para constituír unha sociedade centrada arredor do culto e da monarquía, e cun novo esquema organizativo (cc.* ***40-48****). Aínda que nesta derradeira parte da obra de Ezequiel tiveron boa parte os seus discípulos, non se lle pode negar a inspiración e autoría ao profeta do desterro.*

### Relato da vocación profética. Data e circunstancias

**1** [1]Desde os trinta anos, no día quinto do mes cuarto, cando eu me atopaba entre os deportados onda o río Quebar, véuseme abrindo o ceo e veño tendo visións de Deus. [2]O día cinco deste mes era o ano cinco da deportación do rei Ioaquín. [3]Veulle a palabra do Señor a Ezequiel, fillo de Buzí, o sacerdote, no país dos caldeos xunto ao río Quebar, e foi alí onde a man do Señor pousou sobre el.

### Visión da teofanía vocacional

[4]Tiven unha visión, e velaí que un vento de tormenta viña desde o norte, unha nube enorme, unha lostregada continuada, un resplandor arredor da nube, e do medio da nube baixaba coma un gran resplandor de ouro branco. [5]Tamén baixaba a figura de catro seres viventes. O seu aspecto era este: tiñan semellanza de homes; [6]cada un deles tiña catro caras e catro ás; [7]as súas pernas eran rectas, e a planta dos seus pés era coma o casco do pé dun becerro e brillaban coma o resplandor do bronce brunido. [8]De debaixo das súas ás botaban vermello de sangue para os catro lados, e as súas caras e as súas ás miraban para os catro lados. [9]As súas ás xuntábanse cada unha coa súa compañeira. Non se volvían ao camiñaren: cada un marchaba de fronte. [10]A forma das súas faces era a de caras humanas; de cara de león pola dereita dos catro; de cara de touro, vistas desde a esquerda dos catro; e de cara de aguia, os catro. [11]Tales eran as súas caras! As súas ás estaban estendidas cara arriba: cada un deles tiña dúas ás que se xuntaban e dúas que lle cubrían o corpo. [12]Cada un marchaba de fronte, cara onde o Espírito o movía a camiñar, e camiñaba; non se volvía ao camiñar. [13]Velaí a forma dos seres viventes: o aspecto deles era coma o de carbóns ardendo en labarada; coma unha luminaria que se movía; a visión relucía por mor da labarada, e da labarada saían lóstregos.

[14]Os seres viventes corrían para un lado e volvíanse para o outro coma lóstregos. [15]Ollei para os viventes e velaí unha roda no chan a carón dos viventes, aos catro lados. [16]O aspecto das rodas e a súa feitura era coma o resplandor dunha perla de crisólito, e a mesma forma era a das catro. O aspecto e a feitura delas era coma se unha roda estiños do propiciatorio. A visión subliña a transcendencia divina, coas expresións "coma, o aspecto, forma, semellanza ... ".

**1**,1-**3**,15 Todos estes textos constitúen o relato vocacional, cos seus elementos: data e circunstancias, teofanía, encargo da misión divina, e o rito consecracional: a comida do rolo que se lle dá en visión (**2**, 8-**3**, 2), e fin da visión teofánica.

**1**, 1 O termo hebreo *bᵉ* do comezo é unha preposición que hai que traducir por "desde cando". Os trinta anos refírense á idade do profeta. Este v. é a introdución autobiográfica a todo o libro, presentándonos a idade desde a que vén tendo comunicacións celestes e visións.

**1**, 2-3 Son vv. redaccionais de introdución ao relato vocacional, coa datación habitual por referencia ao ano do rei en funcións .

*A man do Señor pousou sobre* el: esta expresión quere mostrar o enfortecemento interior, que confire a vocación profética.

**1**, 4-8 Visión teofánica, que xorde dunha tormenta (v. 4), e que se compón dunha serie de elementos que vai describindo en orde ascendente: os catro viventes con aspecto humano, con catro ás cada un (vv. 5. 6. 11), que camiñaban de fronte e non se volvían (vv. 12-13). Sobre as cabezas dos querubíns, había unha plataforma (v. 22), e, sobre ela, unha pedra de zafiro en forma de trono, e sobre o trono, sobresaía como unha figura de home (v. 26), que tiña o aspecto da forma da gloria de Iavé, polo que o profeta cae rostro en terra (vv. 27-28). Estes elementos son o relato original da visión teofánica, de onde resulta que a mensaxe da teofanía é que Iavé está presente para os deportados a Babilonia, pois reside no seu templo celeste, do que o de Xerusalén é unha imaxe (Ex **25**, 40; cf Heb **8**, 5). Os catro viventes deberon ser dous na forma orixinal, pois responden aos dous querubíns do propiciatorio. A visión subliña a transcendencia divina, coas expresións "coma, o aspecto, forma, semellanza ... ".

O texto orixinal sufriu modificacións (vv. 7-10. 15-21. 23-25) sobre os seres viventes: as pernas, as caras, as rodas, a conxunción de movementos dos viventes e das rodas e do ruído das rodas. Neste engadido de carácter simbólico preapocalíptico, o espazo de debaixo da plataforma convértese nun símbolo mítico das formas cósmicas, transformadas e glorificadas pola gloria de Iavé, que está sobre a plataforma.

**1**,4 *Vento de tormenta*: característico da teofanía do Sinaí (cf Ex **19**, 16ss; **24**, 15ss; Sal **18**, 29). A teofanía vén do norte, como en Xob **37**, 22; Sal **48**, 3; Is **14**, 13.

**1**, 7 O *casco do pé dun becerro*: referencia mítica ao deus El, pai dos deuses, que se representaba coma un touro en Ugarit, con referencia ao poder xenético xeral.

**1**, 8 *Botaban vermello de sangue*: na tipificación simbólica dos catro viventes, refírese á necesidade dunha purificación, para que as forzas naturais participen da gloria de Iavé.

**1**, 10 Os catro tipos de cara aluden ás catro divindades cananeas (cf Ap **4**, 6-7).

**1**, 11 *Dúas ás que se xuntaban*: as ás que precisaban para voar.

**1**, 13 Co aspecto luminoso quérese expresar que participan da gloria de Iavé.

**1**, 15 As rodas a carón dos viventes queren ser expresión da harmonía da natureza e quizais da técnica humana, que é tamén expresión da gloria de Deus.

**1**, 16 O *crisólito* era unha das pedras do peitoral ou efod do sumo sacerdote (Ex **28**,20; **39**, 13).

vese encaixada na outra. [17]Ao camiñaren nas catro direccións camiñaban de fronte, non se volvían ao camiñaren. [18]Velaí as súas lamias: eran sublimes e impresionantes! Pois as catro lamias estaban cheas de resplandor por todo arredor. [19]Ao se moveren os seres viventes, movíanse tamén as rodas xunto con eles; ao se levantaren os seres viventes da terra, levantábanse tamén as rodas sobre o sitio. [20]O Nome era o Espírito do camiñar; camiñaban cara ao mesmo sitio, o Espírito do camiñar e mais as rodas, que se levantaban a un tempo, pois o Espírito de cada vivente estaba nas rodas. [21]Ao camiñaren, camiñaban a un tempo; ao pararen, paraban a un tempo; e ao levantárense da terra, levantábanse a un tempo, pois o Espírito de cada vivente estaba nas rodas.

[22]Sobre as cabezas de cada un dos viventes había algo parecido a unha plataforma, coma o resplandor dun cristal abraiante, estendida por riba das súas cabezas. [23]Por debaixo da plataforma estaban as súas ás estendidas, unha cara á outra; cun par tapaban a cara e co outro tapaban os seus corpos. [24]Escoitei o ruído das súas ás, fragor de augas caudalosas!, ruído do Todopoderoso! Ao camiñaren, ruído dunha multitude! Barullo dun exército! Ao pararen deixaban quedas as súas ás. [25]Do alto da plataforma que estaba sobre as súas cabezas veu un estrondo. Ao pararen, deixaron quedas as súas ás. [26]No alto da plataforma que estaba sobre as súas cabezas, había unha pedra de zafiro da forma dun trono e sobre esta especie de trono sobresaía cara arriba unha figura co aspecto dun home.

[27]Desde o que parecía a súa cintura para arriba, vin coma o resplandor do ouro branco, coma unha especie de lume que lle servía de marco arredor; e desde o que parecía a súa cintura para abaixo, vin coma unha especie de lume e resplandor ao seu arredor. [28]Coma o aspecto do arco que hai nas nubes un día de chuvia, así era o aspecto e resplandor que había ao arredor. Era o aspecto da forma da gloria de Iavé. Ao ollala, caín rostro en terra e oín unha voz que falaba.

### Misión profética

**2** [1]Díxome: –Fillo de Adán, ponte de pé, que che vou falar.

[2]Entón, mentres me estaba a falar, entrou en min un espírito que me puxo de pé, e escoitei o que estaba a falar.

[3]Díxome: –Fillo de Adán, eu voute mandar onda os fillos de Israel, onda un pobo de rebeldes que se reviraron contra min eles e mais seus pais, que pecaron contra min, ata o mesmo día de hoxe. [4]Estes fillos, que duros son de cara! Que obstinados de corazón! Voute mandar onda eles, e vaslles dicir: "Así fala o Señor, Iavé". [5]Deste xeito, eles escóitente ou rexéitente –pois son casa rebelde–, han saber de certo que hai un profeta no medio deles. [6]E ti, fillo de Adán, non teñas medo nin a eles nin ao que eles che digan. Certo que se revirarán contra ti e que te rexeitarán, pero aínda que sentes sobre alacráns, non teñas medo ao que che digan, nin te sintas acovardado ante eles, pois son casa rebelde. [7]Diraslles as miñas palabras, escóitente ou rexéitente, pois son rebeldes.

### Rito de consagración profética: visión

[8]E ti, fillo de Adán, escoita o que eu che digo: Non sexas rebelde coma a casa rebelde! Abre a túa boca e come o que eu che dou.

**1**,18 *Resplandor*: lit. "ollos",
**1**,20 O *Nome*: heb. "xem". O "Nome" é un título de lavé, a súa manifestación operativa. Por iso o Espírito refírese ao dinamismo divino que move harmonicamente as expresións vitais (aos catro viventes) e as rodas (técnica-harmonía), polo que o espírito ou manifestación de poder dos viventes está nas rodas.
**1**,23 *A cara* é a suprema expresión da realidade persoal. *Os seus corpos*: eufemismo.
**1**, 24 O movemento das ás dos viventes é unha teofanía divina, tal como deixan ver as exclamacións.
**1**,26 Ez subliña a transcendencia divina cos termos *forma, especie* e *aspecto*.
**1**,28 Os vocábulos *aspecto e forma* reflicten a manifestación da gloria de Iavé, que provoca a adoración do profeta.
**2**, 1 *Fillo de Adán.* Esta expresión aparece en Ez unhas 87 veces, referida ao profeta mesmo. Serve para sublimar a baixeza e pouquidade do profeta diante da gloria de lavé.
*Ad*án, ten aquí sabor a terra, ao chan (heb. *adamah*): por isto precisa do espírito do dinamismo divino, para estar de pé e poder percibir a Gloria de Iavé, que se lle está manifestando (cf **3**, 12. 14. 24; **8**, 3; **11**, 1. 24; **43**,5).
**2**, 4 A *cara* é aquí expresión da actitude fronte a Deus; o corazón é o asento dos plans e proxectos persoais. A obstinación e dureza indican o refugar a conversión.
**2**, 5 A finalidade da misión profética non é o éxito, senón o facer presente a palabra de Deus, aínda que sexa rexeitada.
**2**, 6 Sentar *sobre alacráns* equivale a poñerse en perigo inminente de morte.
**2**,8 A obediencia do chamado ao que convoca, está vinculada aos relatos de vocación: Éx **3**, 7-**4**, 17; Is **42**, 18-20; Xer **12**, 1-3... Nos relatos vocacionais proféticos faise referencia á purificación da boca (Is **6**,5-7; Xer **1**,9). Aquí a boca ha de asimilar uns contidos que logo terá que comunicar.
**2**, 8-**3**, 11 Esta sección está composta dunha visión dramática (**2**, 8-**3**, 3), clarificada por un oráculo de misión profética (**3**, 4-11), no que se subliña a orixe divina e o dinamismo interno dos oráculos proféticos.

9Entón tiven unha visión, e vín unha man
estendida cara a min, e, na man, un libro
en forma de rolo. 10Estaba escrito por unha
cara e mais pola outra; estaban escritas nel
elexías, prantos e mais lamentacións.
**3** 1Logo díxome: –Fillo de Adán, o que tes
diante, cómeo: come este rolo, e vai logo
falarlle á casa de Israel.
2Entón eu abrín a miña boca e deume a co-
mer este rolo, 3dicíndome: –Fillo de Adán,
alimenta o teu ventre, enche as túas entrañas
con este rolo que che dou.
Comino e volvéuseme na boca doce coma
o mel. 4E díxome: –Fillo de Adán, marcha á
casa de Israel e fálalle coas miñas palabras,
5pois non se te manda a un pobo de ininteli-
xible falar e de lingua difícil; mándasete á casa
de Israel, 6non a pobos numerosos de ininte-
lixible falar e de lingua difícil, dos que ti non
comprendes o seu falar. Certo, se te mandase
onda eles, eles faríanche caso; 7pero a casa de
Israel non quererá escoitarte, porque non me
quere facer caso a min, pois toda a casa de Is-
rael é dura de cabeza e obstinada de corazón.
8Mira que eu volvo a túa cara tan dura coma
a súa cara e a túa cabeza tan dura coma a súa.
9Eu volvo a túa testa coma o diamante, que é
máis duro ca un croio. Non lles teñas medo
nin te amedrentes diante deles, pois son casa
rebelde.
10E díxome tamén: –Fillo de Adán, todos
os oráculos que eu che diga, apréndeos de
memoria e escóitaos atentamente. 11Vai onda
os deportados, onda os fillos do teu pobo e
–así te escoiten, así te rexeiten– dilles: "Así
fala o Señor".

### Remate da visión

12O Espírito colleume en arroubo e escoi-
tei detrás de min o ruído dun gran terremo-
to: Bendita a gloria do Señor no seu templo!
13Despois, o ruído das ás dos seres viventes,
ao se daren o ósculo as dun contra as do outro,
e ao mesmo tempo o ruído das rodas: o ruído
dun gran terremoto. 14O Espírito colleume en
arroubo, e marchei fortalecido polo ardor do
meu espírito, pois a poderosa man do Señor
estaba sobre min. 15E fun onda os deportados
de Tel Abib, os que vivían xunto ao río Que-
bar, pois era alí onde eles vivían, e quedei alí
sete días, sendo un horror entre eles.

### O profeta, sentinela responsable do malvado

16E ao cabo de sete días sucedeu que me
veu esta palabra do Señor: 17–Fillo de Adán,
constitúote sentinela para a casa de Israel.
Cando escoites unha palabra da miña boca,
avísaos da miña parte. 18Se eu lle digo ao
malvado "vas morrer", e ti non o avisas
–isto é, non falas avisando ao malvado de
que deixe o seu ruín comportamento, para
que viva–, el, sendo malvado, morrerá por
culpa da súa iniquidade; pero a ti pedireiche
contas do seu sangue. 19Pero se ti avisas ao
malvado, e el non deixa a súa ruindade nin
o seu comportamento malvado, el morrerá
por culpa da súa iniquidade; pero ti salvarás
a túa vida. 20Se o xusto deixa a súa xustiza,
e comete iniquidades, eu porei diante del
un tropezo e morrerá, porque ti non o avi-
saches; morrerá polo seu pecado e non se
recordarán as obras de xustiza que fixo, pero
a ti pedireiche contas do seu sangue. 21Pero
se ti avisas ao xusto, para que non peque e el
non peca, de certo vivirá, porque foi avisa-
do, e ti salvarás a túa vida.

### Xesto simbólico: o profeta atado e mudo

22Estando alí, púxose sobre min a man do
Señor, que me dixo: –Levántate e sae cara ao
val, que che vou falar alí.

**2**, 9 Sobre o libro en forma de rolo, cf Xer **26**; Lc **4**, 17. 20. O normal era escribilo por unha soa cara, pero neste rolo abundan por todas partes as chamadas á conversión.
**3**,3 *O ventre* e as *entrañas,* ademais das súas funcións fisiolóxicas, son, no mundo semítico, a base dos sentimentos. Non obstante a tristura dos contidos, a asimilación da mensaxe divina vólveselle doce ao profeta.
**3**,6 *Certo.* O contexto esixe ler *la* (que traducimos "certo"), onde outros len *lo* (= non). O v. ten unha grande carga de ironía.
**3**,8 *Cabeza* (lit. "fronte") e *cara* son expresión das actitudes persoais. Deus volve ao profeta aínda máis tenaz, pola rebeldía do pobo contra Iavé.
**3**, 12 *Colleume en arroubo*: lit. "levantoume". *No seu templo*: o hebr. *maqom* (lugar) ten aquí o senso de santuario celeste, onde o profeta é transportado en visión.
**3**,13 *Ósculo*. Ordinariamente nas Biblias lese *bater as ás*; pero a palabra hebrea significa *bicar*, é dicir, neste contexto "darse o ósculo" (cf 1 Re **19**, 18; Xob **31**, 27; Sal **2**, 12; Os **13**, 2).
**3**, 14 O espírito profético, que provoca un ardor que fai reaccionar a Ezequiel, é a expresión do poder de Iavé sobre o profeta.
**3**, 16-21 Oráculo co que Deus manifesta unha ensinanza de tipo moral. O tema repetirase en **14**, 13-12; **18**, 2-31; **33**, 12-20.
**3**, 17 A imaxe da sentinela, referida ao profeta, aparece ademais en **33**, 7; Is **56**, 10; Xer **6**, 17; Hab **2**, 1.
**3**, 22-27 Esta unidade ten o dobre cometido de clausurar a sección vocacional (cf vv. 22-23) e de introducir a serie de accións simbólicas de 4, lss. Polas referencias á mudez do profeta (**24**, 27; **33**, 22) o xesto simbólico refírese ao período de asedio de Xerusalén (anos 588/7), ao mesmo tempo que serve como sinal de castigo para os deportados, por seren rebeldes á palabra profética.

[23]Entón levanteime e fun cara ao val, e velaquí a Gloria do Señor, a mesma Gloria que eu vira xunto ao río Quebar; e entón caín rostro en terra. [24]Entrou en min un espírito que me puxo de pé, faloume e díxome: –Vai cerrarte dentro da túa casa. [25]Escoita ti, fillo de Adán, velaí que che porán cordas e atarante con elas, de xeito que non poidas saír de entre elas. [26]Eu farei que se che apegue a lingua ao padal e volveraste mudo, de xeito que xa non serás para eles o home que os reprende, pois son casa rebelde. [27]Pero cando eu che fale, abrirás a túa boca e diraslles: "Así fala o Señor Deus". O que che faga caso, que cho faga; e o que te rexeite, que te rexeite, pois son casa rebelde.

## SERIE DE XESTOS SIMBÓLICOS ACERCA DA CAÍDA DE XERUSALÉN

### O asedio da vila, marcado nun ladrillo

**4** [1]–Oe ti, fillo de Adán,
colle un ladrillo, pono diante de ti
e grava nel unha cidade: Xerusalén;
[2]pon contra ela un asedio,
constrúe contra ela muros de asalto,
levanta contra ela ramplas;
pon contra ela campamentos militares,
e coloca contra ela arietes todo ao redor.
[3]E ti, colle unha tixola de ferro
e pona de muro entre ti e esta cidade;
dirixe a túa face cara a ela;
quedará en asedio,
pois ti montarás asedio contra ela.
Isto é un sinal para a casa de Israel.

### O profeta expía a iniquidade do pobo

[4]–Oe ti, déitate para o teu lado esquerdo, e pon para este lado as iniquidades da casa de Israel: cantos días te deites para este lado, outros tantos soportarás as súas iniquidades. [5]Pero eu sináloche en número de días os anos das súas iniquidades: trescentos noventa días, que ti cargarás coa iniquidade da casa de Israel. [6]Ao acabares estes días, déitate de novo para o lado dereito, para cargares coas iniquidades da casa de Xudá durante corenta días, día por ano: márcoche o tempo, día por ano. [7]Mantén a túa cara e mais o teu brazo do lado do asedio de Xerusalén e profetizarás contra ela. [8]Velaí que che poño cordas e non poderás dar a volta dun lado para o outro, ata acabares os días de estares atado.

### A comida impura e taxada do profeta, símbolo do asedio

[9]–Escoita, colle para ti trigo e mais cebada, fabas e lentellas, millo e centeo mocho: pon todo nunha ola e logo con todo isto farás para ti pan, que has comer todos os días que estarás deitado de lado: trescentos noventa días. [10]E a túa comida, que ti comerás taxada, será de vinte siclos por día, comerala de día en día. [11]A auga beberala taxada: un litro e cuarto, beberala de día en día. [12]Unha bola de pan de cebada é o que comerás; cocerás a bola na presenza deles con excrementos humanos.

**3**, 25 A inmobilidade do profeta e a súa mudez poden entenderse da súa inactividade, tanto en xestos simbólicos como en oráculos (cf o contexto: vv. 26b-27).

**4**, 1-3 Nesta acción simbólica, na forma dunha pantomima, o profeta representa o papel de Iavé, que monta asedio contra a cidade. No v. 3, vese que continúa o asedio, simbolizado na tixola de ferro (= iniquidades do pobo: cf Is **59**, 2), que lle impide ao profeta ver a cidade.

**4**, 3 *Sinal*: manifestación sensible de algo que aínda non aconteceu.

*A casa de Israel*: son os membros do reino do Norte que quedaron asimilados relixiosamente a Xudá, aínda que non se exclúen os deportados a Asiria no ano 722.

**4**, 4-8 Esta unidade está en relación con **3**, 22-27 e con **4**, 9ss, que se refiren ao asedio de Xerusalén; pero a acción do profeta ten aquí un senso expiatorio, case penitencial. Os vv. 4-5 refírense a Israel. A súa purificación de 390 días (6 x 65) ten tódolos sinais de imperfección, dunha expiación non completa (polo simbolismo do número seis, e de non chegar a 70), co que o profeta quere expresar que a restauración do reino de Israel non se realizará, o que se ratifica coa colocación no lado esquerdo. Os vv. 6-8 refírense a Xudá; a expiación deste levará a un restablecemento do seu dominio cósmico sobre a terra. En Núm **13**, 25, emprégase o número 40 (4 x l0), que é o número dos catro elementos do cosmos e dos catro ventos, o número dos catro lados e esquinas da terra (cf Xén **7**, 4. 12. 17; **8**, 6). Por outra banda, o número 10 indica perfección, multitude (cf 1 Sam **17**, 4-16). O carácter expiatorio e purificatorio dos 40 días, aparece en Xén **7**, 4-**8**, 6; Núm **14**, 23; 1 Re **19**, 8, e, ao mesmo tempo, o senso de comunicación con Deus aparece subliñado en Ex **24**, 18; **34**, 28; Dt **9**, 9. 11. 18; **10**, l0.

**4**, 9-17 A comida do profeta vólvese impura ao mesturar diferentes especies de gran (cf Lev **19**, 19), e tamén polo contacto co esterco no que se cocen (vv 12. 14-15). Por outra banda, redúcese á mínima cantidade, pois os vinte siclos fan 228 g de pan; "un litro e cuarto" de auga (lit. "un sexto de "hin"). Este panorama era típico da vida dos asediados, como o expresan os vv. 16-17. Os vv. 12-15 son un enxerto, que converte o sinal profético en preanuncio da deportación (tal como o reflicte o v. 13, pois a vida entre os pagáns, para a mentalidade sacerdotal, era vivir en estado de impureza).

**4**, 9 *Centeo mocho*: parece ser ese o cereal ao que se refire o vocábulo empregado.

[13]E dixo o Señor: –Deste mesmo xeito comerán os fillos de Israel o seu pan impuro nas nacións onde eu os dispersarei.
[14]E repuxen: –Ai, meu Señor, Deus! Fíxate: a miña gorxa nunca estivo lixada, nunca comín carne morta nin res matada por unha fera desde a miña nenez ata hoxe, nin entrou na miña boca carne impura.
[15]El respondeume: –Pois ben, permítoche bosta de vacas en vez de excremento humano, para faceres o teu pan sobre ela.
[16]Logo díxome: –Fillo de Adán, vou suprimir o abastecemento de pan a Xerusalén: van comer o pan taxado e con preocupacións, e van beber a auga racionada, e con medo [17]de que lles falte o pan e mais a auga; deste xeito vivirán atemorizados uns e outros, e consumiranse por culpa da súa iniquidade.

### O rapado e afeitado do profeta, sinal da destrución de Xerusalén

**5** [1]–E ti, fillo de Adán, colle unha coitela ben afiada, colle unha navalla barbeira, e pásaa pola túa cabeza e máis pola túa barba. Despois colle unha balanza de pesar e distribúe o pelo en partes. [2]Unha terceira parte quéimaa no lume no medio da cidade, cando se acaben os días do asedio; logo colle outro terzo e dálle cortes coa espada todo ao redor da cidade; e o outro terzo esparéxeo ao vento e eu desenfundarei a espada tras eles. [3]Destes últimos pelos collerás unha pequena cantidade e meteralos ben apertados na dobrez do teu manto; [4]logo volverás coller algúns deles e botaralos no medio do lume e queimaralos nel, e deste lume sairá un incendio para toda a casa de Israel.

[5] Isto di o Señor, Iavé:
Esta é Xerusalén!
Púxena no medio dos pobos,
arredor dela puxen países;
[6]pero rebelouse contra as miñas ordes,
é máis desleal ca os pobos pagáns;
rebelouse contra os meus preceptos,
é máis desleal ca os países
que hai ao seu arredor.
Rexeitaron as miñas ordes,
non se comportaron conforme
os meus preceptos.
[7]Por isto así fala o Señor, Iavé:
Xa que a vosa seguridade
proviña das nacións
que se atopaban ao redor voso,
non seguistes os meus preceptos,
nin cumpristes as miñas ordes,
e nin sequera vos comportastes
de acordo cos costumes
dos pobos que están ao redor voso.
[8]Por isto así fala o Señor, Iavé:
Olla: eu estou contra ti, eu mesmo,
para facer en ti xustiza á vista dos pobos.
[9]Farei en ti o que nunca fixen,
nin volverei facer cousa semellante,
por causa de todas as túas abominacións.
[10]Pois os pais devorarán aos fillos
no medio de ti
e os fillos devorarán a seus pais;
e executarei a sentenza en ti,
ao esparexer aos catro ventos
o que queda de ti.
[11]Pois, pola miña vida
–é o Señor, Iavé, quen fala–,
por teres profanado
o meu santuario cos teus ídolos
e coas túas abominacións,
xuro que tamén eu te rexeitarei,
e que o meu rostro non terá
compaixón de ti
e eu tampouco non te perdoarei.
[12]Unha terceira parte de ti morrerá
pola espada
e consumirase de fame no medio de ti;
outro terzo caerá pola espada
ao redor de ti;
e ao último terzo esparexereino
aos catro ventos
e logo desenfundarei a espada tras eles,
[13]e a miña ira chegará á fin,
desabafarei o meu furor contra eles,
e quedarei tranquilo
cando o meu furor contra eles chegue á fin:
entón daranse conta de que eu son o Señor
que falei coa paixón dos meus celos.
[14]Pois eu á vista de todos os que pasan
convertereite nunha morea de ruínas

**5**, 1-17 Unidade literaria formada por dúas perícopes: a "acción simbólica" do rapado e afeitado do profeta (vv. 1-4), co que se quere expresar a perda da dignidade e liberdade (cf Núm **6**; Is **15**, 2; Xer **41**, 5); e un "oráculo de xuízo de castigo" (vv. 5-17), que explica o senso da acción simbólica. O oráculo comeza coa lembranza da benevolencia de Deus co pobo (v. 5), para presentar logo o contraste, e subliñar a acusación xeral (v. 6). O v. 7 é unha tipificación da acusación. Os vv. 8-17 constitúen o anuncio do castigo divino, no que se fai referencia á acción simbólica (v. 12). O recargado que resulta o texto dos vv. 8-17 fai pensar que se trata dun texto composto.
**5**,4 Estes *algúns* que o profeta mete na dobrez do manto, significan a causa do incendio da cidade e da deportación do ano 587, aos que se refiren os vv. 14-17.
**5**, 7 *Seguridade*. Buscala nos pactos coas nacións pagás provoca a ruptura da alianza con Iavé.
**5**, 11 O rostro de Iavé é a súa presenza e manifestación dinámica, que aquí se volve impasible.

e nunha vergonza entre todos os pobos
que están ao teu redor,
15e serás para todos os pobos
que están ao teu redor
obxecto de vergonza e de escarnio,
de escarmento e horror,
cando faga en ti xustiza con ira e furor,
con furiosos castigos.
Son eu, o Señor, quen o digo.
16Cando eu lance as fatídicas
frechas da fame,
vós seredes destruídos por elas,
que se converterán no destrutor,
pois son eu quen as lanzarei.
Aumentareivos a fame
e privareivos da abundancia de pan.
17Mandarei contra vós fame
e animais salvaxes:
deixarante sen fillos,
pois a peste e mais o sangue pasarán por ti,
e mandarei a espada contra ti.
Eu, o Señor, son quen o di.

### A devastación dos montes idolátricos levará ao recoñecemento do Señor

**6** 1Veume a palabra do Señor nestes termos:
2–Fillo de Adán, dirixe o teu rostro cara
ás montañas de Israel e profetiza contra elas.
3Dilles: Montañas de Israel, escoitade a palabra do Señor, Iavé! Así lles fala o Señor Deus
ás montañas e aos outeiros, aos regueiros e ás veigas:
Velaquí que eu mando
a espada contra vós
e destruirei os santuarios
dos vosos outeiros;
4serán arrasados os vosos altares
de sacrificios,
esnaquizados os vosos altares
de queimar incenso,
e farei que caian os vosos mortos
diante dos vosos ídolos.
5Poñerei os cadáveres dos fillos de Israel
diante dos seus altares.
Esparexerei os vosos ósos
ao redor dos vosos altares.
6En todas as vosas bisbarras
as cidades quedarán devastadas,
e os santuarios dos vosos outeiros
quedarán destruídos,
de xeito que os vosos altares de sacrificio
queden arrasados, esnaquizados
os vosos ídolos,
desfeitos os vosos altares
para queimar incenso
e desaparezan os que son obra vosa.
7No medio voso caerán mortos os homes
e vós recoñeceredes que eu son Iavé.
8Cando de vós non queden máis
ca os que escaparon da espada
por entre as nacións, eu manterei un resto;
cando vos vexades esparexidos
por entre os países,
9os que de vós escaparon
lembraranse de min
nas nacións onde sexan deportados,
pois eu farei que se rompa
o seu corazón prostituído
que se apartou de min,
e os seus ollos prostituídos
que se foron tras os ídolos;
sentirán nas súas caras a vergonza
polas maldades que cometeron,
por todas as súas abominacións.
10Entón recoñecerán que eu son o Señor,
non en van lles dixen
que lles causaría tal desgraza.
11Así fala o Señor, Iavé:
Bate as túas palmas,
patea cos teus pés e di:

**5**, 16 *Destruídos por elas*. O destrutor era, na mitoloxía, un demonio maléfico portador da morte (cf Ex **12**, 23).
**5**, 17 Os *animais salvaxes* ou depredadores son unha imaxe literaria dos efectos da peste, morte (= sangue) e espada.
**6**, 1-14 O v.1 é unha fórmula coa que se lle ordena ao profeta realizar un xesto simbólico de ameaza contra os montes, por culpa do culto idolátrico practicado neles (cf **13**, 17; **21**, 7; **25**, 2 ... ). O xesto simbólico vai acompañado dun oráculo de castigo (vv. 3-7), no que a acusación provocará un recoñecemento da soberanía de Iavé. Os vv. 8-10 veñen sendo unha descrición do proceso que leva á confesión de fe: o resto protexido por Iavé, o lembrarse de Iavé (reavivar a conciencia de fidelidade de Deus ás súas promesas salvíficas), o rexeitamento dos plans idolátricos e da cobiza que levou ao culto idolátrico, o sentimento de vergonza, o recoñecemento da soberanía de Iavé, que cumpre as ameazas, como tamén as promesas salvíficas. Os vv. 11-14 presentan doutra forma a mensaxe dos vv. 3-7. Dáselles así o lugar central da estructura do capítulo aos vv 8-10, sublíñase o valor medicinal do castigo, que leva á confesión de fe en Iavé.
**6**, 5 Este v. refírese á execración dos lugares de culto cos cadáveres que neles caen, pois, na mentalidade xudía, o cadáver contamina, ao estar fóra da sepultura familiar, onde repousa.
**6**, 6 *Os que son obra vosa*: os ídolos. símbolos e obxectos do culto idolátrico.
**6**, 9 O *corazón* e *os ollos* teñen aquí valor antropolóxico dos proxectos, plans, manías, e *da cobiza* (cf Dt **16**, 16. 18; Xer **24**, 6ss*)*.
**6**, 10 O anuncio de castigo, aínda que no momento non se lle faga caso, ten a función de ser unha chamada á memoria dos destinatarios, cando se realice o castigo.
**6**, 11 O bater as palmas e patear son aquí un xesto profético de alegría polo castigo purificador da casa de Israel. O Ai contrasta en paralelismo antitético co ”por fin!” (lemos “oxer” e non”axer”; cf nota a Xer **43**, 11).

Ai de todas as malignas abominacións
da casa de Israel!
Por fin! A casa de Israel
caerá pola espada,
de fame e mais de peste.
12Os que están lonxe morrerán de peste,
os que están cerca caerán pola espada,
os que queden asediados
morrerán de fame:
eu chegarei ao colmo da miña ira
contra eles.
13Coñeceredes que eu son o Señor
cando os seus mortos estean
entre os seus ídolos,
ao redor dos seus altares,
sobre todo outeiro elevado,
en toda cima de montaña,
debaixo de toda árbore ramalluda
e debaixo de toda aciñeira retorta,
lugares onde eles ofrecen
recendentes perfumes aos seus ídolos.
14Estenderei o meu brazo contra eles
e converterei esta terra nunha desolación:
unha desolación en todas as súas bisbarras
desde o deserto ata Diblah.
Entón recoñecerán que eu son o Señor.

### A chegada do día do Señor levará a recoñecelo

**7** 1Veume a palabra do Señor
nestes termos:
2–Oe ti, fillo de Adán:
Así lle fala o Señor, Iavé, á terra de Israel:
A fin! Chega a fin
polas catro esquinas do país!
3Agora chega a fin para ti,
pois mandarei a miña ira contra ti
e xulgareite conforme
o teu comportamento comigo,
e cargareite coas túas abominacións.
4Os meus ollos non terán piedade de ti,
nin me compadecerei de ti,
senón que te cargarei co teu mesmo
comportamento
e as túas abominacións
estarán diante de ti.
Entón recoñeceredes que eu son o Señor.
5Así fala o Señor, Iavé:
Unha desgraza única! Unha desgraza!
6Velaí chega a fin, a fin chega,
espértase contra ti, velaí chega.
7A túa vez chega, habitante do país,
chega a hora, aproxímase o día do pánico,
e o estrondo é máis forte ca as montañas.
8Agora, deseguida, vou verter
o meu anoxo sobre ti,
vou desafogar a miña ira contra ti;
voute xulgar conforme
o teu comportamento,
vou presentar cargos contra todas
as túas abominacións.
9Os meus ollos non terán compaixón,
nin eu me compadecerei;
consonte o teu comportamento
vou presentar cargos contra ti,
e as túas abominacións estarán
á vista na túa presenza.
Entón recoñeceredes
que eu son o Señor, que castiga.
10Velaí o día do Señor, velaí chega,
tócalle a vez.
Xermina a inxustiza,
florece o orgullo,
11a violencia érguese
sobre a inxustiza dos ruíns,
e será máis forte ca eles,

**6**, 13 Nótese o paralelismo cos vv. 5-6.
**6**,14 *Diblah*: case todos os autores len Riblah (ef 2 Re **23**, 33; **25**, 6.20s), non obstante a lectura do T. M., coa que coinciden os LXX e a Vulgata. Posiblemente foi unha lectura variante antiga.
**7**, 1-27 Esta unidade, introducida pola fórmula redaccional do v. 1, está composta por tres estrofas marcadas pola súa mesma fin (o recoñecemento de Iavé), polas fórmulas oraculares dos vv. iniciais (vv. 2-3), e polo"velaí" do v. 10. A primeira estrofa (vv. 2-4) trata da chegada da fin como xuízo divino do comportamento abominable de Israel: a segunda (vv. 5-9) explicita a fin como unha desgraza e como un día, un instante: a quenda da teofanía de xuízo de castigo divino; e a terceira (vv. 10-27) trata da chegada do día do Señor como expresión desbordante da súa ira, que levará ás compras e ás vendas forzadas, á imposibilidade de defenderse na guerra desastrosa e portadora de peste e fame, á debilidade e á vergonza da escravitude (= calvicie), ao saqueo dos propios tesouros e aínda do mesmo Iavé (v. 22), e todo isto por mor da idolatría (v. 20) e das inxustizas e violencias (v. 23). No v. 26b introdúcese a súplica dunha visión (comunicación oracular ao profeta), pois das outras institucións non se pode esperar nada.
**7**, 2 Co xogo de palabras *Adán* e "adamah" (= terra) quérese remarcar a vinculación e solidariedade do profeta co seu pobo. Das esquinas do mundo veñen os ventos maléficos e aquí vén a fin.
**7**,4 Os *meus ollos*: expresión hebrea en singular, traducida en plural. Os ollos son a raíz da piedade e compaixón divinas.
**7**, 7 *A túa vez*: a quenda, o momento especial.
*Estrondo*. Con este vocábulo quere pórse en relación a manifestación da ira do Señor coas teofanías nas que Iavé se revelou.
**7**,9 *Presentar cargos*: senso da expresión xurídica "natanal".
**7**, 10 *Inxustiza*: en heb."muttah", da raíz "nth" (= dobrar, perverter o dereito), cf v. 11.
**7**, 11 *Dos ruíns*: en heb. un abstracto (= ruindade), que está polo concreto. Aquí, a violencia provocada pola ira de Deus é a gloria ou manifestación de poderosa presenza de Iavé.

será máis forte ca o seu exército,
será máis forte ca o seu barullo:
a gloria do Señor prevalecerá sobre eles.
12Chega a hora, aproxímase o día:
o que merca, que non estea ledo;
o que vende, que non se poña triste,
pois a ira do Señor alcanza
toda a súa riqueza.
13O que vende xa non ollará
para o que vendeu
e, aínda que viva entre os vivos,
non volverá a súa vista
a toda a súa riqueza,
e por culpa da súa dignidade
ninguén conservará a vida.
14Tocarán a trompeta
e todo estará preparado;
pero non haberá quen vaia á guerra,
pois a miña ira alcanzará
toda a súa riqueza.
15A espada está fóra,
a peste e mais a fame, na casa:
quen estea nas terras,
morrerá pola espada;
ao que estea na cidade,
devorarano a fame e a peste.
16Os seus fuxitivos escaparán,
estarán nas montañas;
coma as pombas no val,
todos eles andarán escorrentados,
cada un por culpa da súa iniquidade.
17Todos os brazos se debilitarán
e todas as pernas perderán a forza;
18vestiranse de saco e cubriraos o terror,
en todas as caras haberá vergonza
e en todas as cabezas, calvicie.
19Botarán nas rúas a súa prata,
e considerarán o seu ouro un lixo;
nin o seu ouro nin a súa prata
serán capaces de salvalos
o día da ira do Señor;
non se fartarán as súas gorxas,
nin se encherá o seu ventre,
pois o ouro e mais a prata
foron a causa da súa iniquidade.
20Foi precisamente o esplendor das xoias
o que converteron en motivo de orgullo,
e nelas esculpiron
as súas abominables imaxes
e mais os seus ídolos;
por isto lles converto as xoias en lixo.
21Convertereinas en botín
nas mans dos estranxeiros,
daréillelas en ganancia
aos peores do mundo,
que as profanarán.
22Retirarei deles os meus ollos,
para que sigan profanando
o meu tesouro escondido:
estraños entrarán nel e profanarano,
23facéndoo encadear,
pois a capital está chea
de xuízos sanguinarios
e a cidade está chea de violencia.
24Traerei aos pobos máis malvados
para que se apoderen das súas casas,
e acabarei co orgullo dos poderosos,
e os que eles consideran sagrados
serán profanados.
25Chega a angustia do castigo,
buscan a paz, pero non a hai.
26Virá desastre tras desastre,
unha mala noticia seguirá
a outra mala noticia;
pediranlle oráculos ao profeta,
faltaralle a normativa ao sacerdote
e o consello ao ancián.
27O rei porase de loito,
o príncipe vestirase de desolación,
e aos campesiños tremeranlles as mans;
tratareinos conforme
o seu comportamento,
e xulgareinos conforme
os seus inxustos xuízos.
Recoñecerán que eu son o Señor.

**7**, 12 *A súa riqueza*: nos momentos de anguria por unha guerra, nin o que vende nin o que compra quedan satisfeitos.
**7**, 16 *Andarán escorrentados*: infinitivo de "qal" pasivo, traducible por "estar inquedo", "andar dun lado para o outro ...".
**7**, 17 *Todas as pernas*: lit. "todos os xeonllos pingarán vigor".
**7**, 18 As frases deste v. refírense á deportación dos prisioneiros, pois o rapado da cabeza e o saco, eran característicos dos escravos e prisioneiros.
**7**, 19s As xoias -ouro e prata-, non só foron os seus deuses (o motivo do seu orgullo), senón que nelas esculpiron aos mesmos ídolos pagáns.
**7**, 22 *Tesouro escondido*: Deus non quere que siga profanando o pobo a cidade de Xerusalén: prefire que o fagan os estranxeiros.
**7**, 24 *Os que eles consideran sagrados*: refírese aos santuarios pagáns, aos ídolos e ao mesmo templo (sacerdotes e utensilios do culto de Xerusalén).
**7**, 26 Nos momentos de crise é a palabra profética a que salva as situacións, pois nin a pura aplicación da lei nin o consello prudente valen, senón a revelación inspirada do profeta, que lles dá senso aos feitos históricos e mostra o camiño salvífico.

# RESPOSTA DE EZEQUIEL Á CUESTIÓN DE QUEN É O VERDADEIRO ISRAEL

**Visión da idolatría no templo de Xerusalén**

**8** [1]No ano sexto, no mes sexto, o cinco deste mes, estando eu sentado na miña casa e estando sentados os anciáns de Xudá diante de min, caeu alí sobre min a man do Señor, Iavé. [2]Entón tiven unha visión: percibín unha forma, como o aspecto dun home: desde o que parecía a súa cintura para abaixo, era lume; e desde a súa cintura para arriba tiña como a aparencia do fulgor, coma o brillo do metal brunido. [3]Alongou unha especie de man e colleume polas guedellas da cabeza; entón o Espírito levantoume entre a terra e o ceo, e en visións divinas levoume a Xerusalén, á entrada da porta interior, que dá ao norte, onde está o sitio da imaxe dos celos, a imaxe do Creador. [4]E alí estaba a gloria do Deus de Israel, semellante á visión que eu tivera na chaira. [5]Entón díxome: –Fillo de Adán, levanta os teus ollos, en dirección ao norte.

Eu levantei os meus ollos en dirección ao norte, e velaquí que ao norte da porta do altar estaba a imaxe dos celos, a que estaba na entrada. [6]Logo engadiu: –Fillo de Adán, non estás a ollar o que eles fan: as grandes abominacións que comete aquí a casa de Israel ao apartarse do meu santuario? Aínda volverás ver abominacións maiores.

[7]Logo levoume á porta do adro; ollei, e vin unha fisgoa na parede. [8]Díxome: –Fillo de Adán, fai que a fisgoa se abra no muro.

Eu fixen que a fisgoa se abrise no muro, e había unha abertura.

[9]Logo díxome: –Entra e olla as perversas abominacións que eles están facendo aquí.

[10]Entrei e mirei, e vin todo xeito de réptiles e animais, as abominacións e todos os ídolos da casa de Israel esculpidos sobre o muro ao redor. [11]E alí, tamén ao redor, setenta homes dos anciáns da casa de Israel, con Iezanías, fillo de Xafán no medio deles; estaban de pé cara ás imaxes; cada un tiña o seu incensario na man e o perfume da nube de incenso subía. [12]Díxome: –Non ves, fillo de Adán, o que están a facer os anciáns da casa de Israel na escuridade, cada un no camarín da súa imaxe? Oe o que están a dicir: "O Señor non é capaz de nos ver, o Señor abandonou o país".

**8**, 1-**11**, 25 A visita que lle fan ao profeta as autoridades relixiosas dos deportados, recibe a súa resposta en **11**,14-21, e mais na sección conclusiva (**11**, 22-25). Este feito literario obríganos a considerar toda a serie de visións que segue como unha unidade, subliñada en **11**, 25. O carácter visionario e de contemplación no arquetipo divino de **8**, 2-11. 13, lévanos a pensar no nacemento prematuro da apocalíptica, que se confirma coa perfecta organización das unidades máis pequenas e co dinamismo crecente dos temas. A mensaxe central é que o verdadeiro Israel non o constitúen os habitantes de Xerusalén (idólatras: cf **2**, 3-16), que terán pronto o seu castigo (**9**, 1), pois nunha visión dramática celeste aparece a execración do templo cos cadáveres dos mesmos habitantes de Xerusalén (**9**, 2-7). O tema do castigo divino ten un duplicado en **9**, 8-10, na forma dun oráculo de xuízo de castigo, que enlaza literariamente coa visión dramático-apocalíptica, mediante o v 11, con referencia ao escribán da visión. O mesmo tempo, este v. introduce o tema da unidade seguinte (**10**, 1-22). Estes vv. centrais na sección enlazan dous temas: o do castigo da cidade con lume purificador, e o da gloria de Iavé, que deixa o templo (vv. 18-19; cf **9**, 1-7). A gloria de Iavé que abandona o templo de Xerusalén é a mesma que se lle mostrou ao profeta xunto ao río Quebar (cc. **1**-**3**), polo que mora entre os desterrados (**10**, 20-22). O mesmo tema recóllese na conclusión (**11**, 22-25). O texto de **11**, 1-12, vinculado á sección anterior, constitúe unha visión dos dirixentes do pobo e dos seus inicuos consellos de esperar da situación xeográfica de Xerusalén seguridade, o que, para o profeta, resulta falso. Este oráculo de anuncio de castigo acaba coa morte instantánea dun dos dirixentes (**11**, 13), que ten a dobre función de sinal de eficacia e veracidade das palabras proféticas, ao mesmo tempo que introduce o tema central do resto de Israel (tema da última sección: **11**, 14-21). Estes vv. reflicten a opinión dos que quedaron en Xerusalén de sentírense o verdadeiro resto de Israel (v. 15), que serve de contraste ao oráculo salvífico, no que se declara que o son os deportados, pois o Señor en persoa vólvese para eles un santuario espiritual nos países onde foron (vv. 16-20). O oráculo salvífico acaba cunha chamada a librarse da idolatría (v. 21). A conclusión da sección está constituída polos vv. 22-25. Recóllese neles o tema da sección central (**10**, 1-22), da ida da gloria de Iavé a Caldea (Babilonia), camiñando sobre o profeta que volta alá en visión, e coa referencia aos desterrados, que reciben a comunicación profética.

**8**, 1 O *ano sexto*: seis anos despois da primeira deportación (598). Corresponde ao ano 592. O día 5.° do 6.° mes: o día 2 de setembro. A vocación profética acontecera no ano 593.

**8**, 2 A descrición responde á da gloria de Iavé na visión ou teofanía vocacional (**1**,16).

**8**, 3 Describe o arroubo místico e o traslado en visión a Xerusalén, realizada a imaxe da gloria de Iavé.

**8**, 4-16 Estes vv. presentan en visión catro estilos diferentes de culto idolátrico: o do culto a Tamuz, practicado polos babilonios (vv. 4-6); o dos reptís e outros animais, típico de Exipto, e practicado ocultamente polos xefes do pobo que non teñen unha política de confianza en Exipto (vv 7-12); o das mulleres que choran a Tamuz, no ritual da morte-resurrección dese deus, equivalente a Baal (vv. 13-14); e o dos homes, símbolo dos dirixentes do pobo que adoran o Sol e negan a adoración a Iavé (cf **11**, 11s).

13E seguiume dicindo: –Aínda volverás ver
as abominacións máis grandes que eles fan.
14Entón levoume á entrada da porta do
templo do Señor que dá ao norte, e vin as mu-
lleres sentadas chorando por Tamuz. 15Díxo-
me: –Non ves, fillo de Adán? Aínda volverás
ver abominacións máis grandes ca estas.
16Entón levoume ao adro interior do tem-
plo do Señor, e vin na porta do templo do
Señor, entre a entrada e mais o altar, como
uns vinte e cinco homes, de costas ao templo
do Señor e coa cara para o nacente: estaban
prostrados cara ao nacente adorando o sol.
17Díxome: –Víchelo, fillo de Adán? Paréce-
lle pouco á casa de Xudá cometer as abomi-
nacións que está a cometer aquí, que enche
o país de violencia e volve anoxarme! Mira
como arriman o ramo ao nariz!
18Pois eu tamén obrarei con carraxe,
nin o meu rostro terá compaixón deles,
nin os perdoarei;
clamarán a grandes berros aos meus oídos,
pero eu non os escoitarei.

### Visión do anuncio de castigo contra Xerusalén

**9** 1Unha gran voz resoa nos meus oídos,
dicindo: –Xa chegan os verdugos da ci-
dade, cada un ten na propia man a súa arma
de destrución.
2Velaquí seis homes que entran polo cami-
ño da porta de arriba, que dá ao norte, cada
un ten na propia man a súa arma de esmagar.
No medio deles, un home vestido de liño, co
tinteiro de escribán á súa cintura. Entraron e
puxéronse de pé ao lado do altar de bronce.
3Entón a gloria do Deus de Israel levantouse
de enriba dos querubíns, sobre os que esta-
ba, camiño da soleira do templo, e chamou
ao home vestido de liño, que tiña na cintu-
ra o tinteiro de escribán, 4e díxolle o Señor:
–Atravesa a cidade, cruza Xerusalén e pon
unha marca na fronte dos homes que fan dó e
suspiran por causa de todas as abominacións
que se cometen no medio dela.
5E tamén escoitei que lles dixo aos ou-
tros: –Percorrede a cidade detrás del e dade
golpes, que o voso rostro non se apiade, nin
teñades compaixón. 6Aos vellos, aos mozos e
mozas, aos meniños e ás mulleres, matádeos
ata o exterminio; pero non vos acheguedes
a ningún home que leve a marca. Comezade
polo meu santuario.
E eles comezaron cos homes vellos que
estaban diante do templo. 7Seguiulles dicin-
do: –Profanade o templo, enchede os adros
de cadáveres, e saíde.
Eles saíron a matar pola cidade. 8Resultou
que cando eles mataban, quedei eu só con
vida. Entón caín rostro en terra e berrei des-
te xeito: –Ai, meu Señor Iavé! Vas ti acabar
con todo o resto de Israel, lanzando a túa ira
contra Xerusalén?
9Respondeume: –A iniquidade da casa de
Israel e de Xudá é grande, grande abondo; o
país está cheo de sangue e a cidade está chea
de inxustiza; pois din: "O Señor abandonou
o país, o Señor xa non ve". 10Mais, pola miña
parte, o meu rostro non se apiadará, nin terei
compaixón; o comportamento deles volve-
reino sobre a súa cabeza.
11E o home vestido de liño, que tiña o tin-
teiro na cintura, deu contas nestes termos:
–Fíxeno tal como ti me mandaches.

### A gloria de Iavé deixa o templo e vaise cos deportados

**10** 1Entón tiven unha visión: enriba da
plataforma que estaba sobre a cabeza
dos querubíns había como unha pedra de za-
firo, cun aspecto parecido ao dun trono, que
se vía por enriba deles. 2E faloulle ao home

**8**, 17 Arrimar ramos ao naríz é unha práctica idolátrica a Tamud.
**9**, 1-11 Esta sección está composta dunha visión dramática (vv. 1-7) e dun oráculo de xuízo de castigo (vv. 9-10), unidos por unha lamentación oracional profética polo resto de Israel (v. 8) como herdeiro das promesas salvíficas, para acabar coas contas que lle dá a Deus o escribán da visión (v. 11).
**9**, 1 *Unha gran voz*: é a voz dinámica de Iavé. *Os verdugos*: son os executores do castigo divino. O ser seis (v. 2) quere dicir, polo simbolismo do devandito número, que o castigo non será completo.
**9**, 2 *Un home vestido de liño*: disposto a exercer o ministerio sacerdotal (cf Ex **28**, 42; Lev **16**, 13...).
**9**, 4 A marca facíase gravando na fronte unha tau, a última letra do alfabeto hebreo. A marca salvífica pónselles aos que fan lamentación penitencial polos pecados de Xerusalén (cf Ex **21**, 6; Dt **15**, 17; Ap **7**, 3s; **13**, 16; **14**, 1).
**9**, 6 Para o semita o ser non é un valor, senón a existencia ordenada e harmónica nunha comunidade; por isto, a persoa que falla nesta orde debe ser exterminada. A purificación comeza polo templo -profanado cos cadáveres-, e pola cidade.
**9**,8 O exterminio dos habitantes de Xerusalén é total: por isto, os herdeiros das promesas salvíficas non poden ser outros ca os desterrados.
*Caer rostro en terra* é a resposta do home ante a manifestación de Deus, que aquí se realiza en visión e leva a unha oración de lamento.
**9**, l0 A cabeza é a base da dirección persoal, e, polo tanto, da responsabilidade.
**10**, 1-22 Sobre a estructura literaria e o sentido desta sección central, cf a nota a **8**, 1-**11**, 25.

vestido de liño nestes termos: –Entra no sitio que hai entre as rodas, no sitio que hai debaixo dos querubíns e enche os teus puños de brasas ardentes, das que hai entre os querubíns, e logo esparéxeas pola cidade.

El entrou á miña vista. [3]Cando o home entrou, os querubíns detivéronse á dereita do templo e a nube encheu o adro interior. [4]Entón a gloria do Señor levantouse de enriba dos querubíns, camiño da soleira do templo; o templo encheuse da nube e o adro estaba cheo do resplandor da gloria do Señor. [5]Entón o ruído das ás dos querubíns oíuse ata o adro exterior: era como a voz de Deus todopoderoso, cando fala.

[6]Cando El lle deu ordes ao home vestido de liño, dicíndolle: "Colle lume de entre as rodas, de entre os querubíns", el foi e púxose ao lado dunha das rodas; [7]un dos querubíns alongou o seu brazo por entre os querubíns cara ao lume que había no medio dos querubíns; levantouno e púxoo nas mans do que estaba vestido coa roupa de liño, que o colleu e saíu. [8]Aos querubíns aparecíalles debaixo das ás unha especie de man humana. [9]Ollei, e vin catro rodas ao lado dos querubíns. O aspecto das rodas era coma o brillo do crisólito. [10]Este era o aspecto delas: a mesma forma era a das catro, pois unha roda estaba encaixada no medio da outra; [11]ao camiñaren, camiñaban cara aos catro lados; non se volvían ao camiñaren, pois camiñaban cara o lugar a onde se dirixía a cabeceira, sen se volveren ao camiñar. [12]Todo o seu corpo e as súas costas, as súas mans e as súas ás e mais as rodas estaban cheas de resplandores ao redor, nas catro caras das súas rodas. [13]A oídas miñas, eles ás rodas chamábanlles "A Roda". [14]Cada un tiña catro caras; as primeiras caras eran caras de querubín, as segundas eran caras de home, as terceiras eran caras de león, e as cuartas de aguia, [15]pois os querubíns podíanse levantar. Estes eran os catro animais que eu vira xunto ao río Quebar. [16]Ao camiñaren os querubíns, camiñaban as rodas ao seu lado, e nin sequera ao levantaren os querubíns as súas ás para se alzaren de sobre o chan, non se apartaban as rodas do seu lado. [17]Ao parárense eles, tamén elas se detiñan, e ao levantárense eles, levantábanse tamén elas, porque o espírito dos viventes estaba nelas.

[18]A gloria do Señor saíu de enriba da soleira do templo e púxose sobre os querubíns. [19]Os querubíns ergueron as súas ás e levantáronse do chan, diante dos meus ollos, eles e mais as rodas xunto con eles; logo pararon á entrada da porta do templo do Señor; a gloria do Deus de Israel sobresaía por enriba deles. [20]Estes eran os viventes que eu vira por debaixo do Deus de Israel, xunto ao río Quebar, e deime conta de que eran querubíns. [21]Os catro tiñan catro caras cada un, e cada un catro ás, e forma de mans de home debaixo das súas ás. [22]A forma das súas caras era a mesma ca o aspecto e sinal das que eu vira xunto ao río Quebar. Cada un camiñaba de fronte.

### Anuncio de castigo contra as falsas seguridades dos dirixentes de Xudá

**11** [1]O Espírito arrebatoume e levoume á porta oriental do templo do Señor, que dá ao nacente, e vin á entrada da porta vinte e cinco homes; no medio deles vin a Iezanías, fillo de Azur e mais a Pelatías, fillo de Benaías, xefes do exército. [2]Entón o Señor díxome: –Fillo de Adán, estes son os homes que están a maquinar iniquidades e a dar malos consellos nesta cidade. [3]Están a dicir: "Certo, antes de que se aproxime o tempo de construír casas, a cidade será a pota e nós seremos a tallada". [4]Por isto, profetiza contra eles, profetiza, fillo de Adán.

**10**, 4 *Templo* é o 'Sancta Sanctorum". A *nube* que enche *o templo* é sinal do ocultamento e escurecemento da presenza, ou vista que abandona o tal templo.
**10**, 8-17 Sobre o simbolismo da descrición dos querubíns e das rodas, cf notas a Ez **1**, 4-28.
**10**, 18-19 Estes dous vv. constitúen o elemento central da unidade. A gloria ou presenza salvífica de Iavé deixa o templo de Xerusalén, como consecuencia da falta de fe do pobo de Xerusalén (cf **8**, 12; **9**, 9). Por isto, o verdadeiro "resto de Israel", os herdeiros das promesas salvíficas divinas, están entre os deportados.
**10**, 20-22 Son referencias á experiencia salvífica divina entre os deportados, pois Iavé volveuse un santuario espiritual para eles (**11**, 16).
**11**, 1-13 A sección está constituída por unha visión dramática (vv. 1. 13) e polo oráculo clarificador da mesma. Este vén sendo un oráculo de xuízo de castigo, coa súa acusación (v. 2), a tipificación da acusación (v. 3), e o oráculo de castigo (vv. 4-11), seguido dun recoñecemento da intervención de Iavé que pretende subliñar a función salvífica do castigo (v. 12), para acabar cun sinal e anticipación dese castigo divino (v. 13).
**11**, 1 *Xefes do exército.* As referencias á seguridade (v. 3) recomendan aquí entender "am" como *exército,* e non como "pobo".
**11**, 3 Aínda que a cidade está en perigo de incendio polas brasas que o escribán bota nela (cf **10**, 2. 6), os xefes militares e relixiosos considéranse libres de perigo, o mesmo ca a tallada na pota, pois a eles non chegará o lume, ao ter a cidade unha boa defensa topográfica e de murallas.

5Entón veu sobre min o Espírito do Señor
e díxome: –Dilles: Así fala o Señor: Deste
xeito falades vós, casa de Israel; o que se vos
sobe á cabeza seino ben eu. 6Multiplicastes
os vosos caídos nesta cidade e enchestes as
rúas de vítimas. 7Por isto, así fala o Señor,
Deus: as vosas vítimas, as que vós puxestes
no medio da cidade, elas son a tallada e a ci-
dade é a pota; pero a vós fágovos saír da ci-
dade. 8Tédeslle medo á espada, mais a espa-
da traereina contra vós –é o Señor Iavé, quen
fala–. 9Heivos facer saír do medio da cidade,
heivos entregar no poder de estranxeiros e
hei facer convosco xustiza. 10A espada cae-
redes, sobre o territorio de Israel heivos xul-
gar, e deste xeito recoñeceredes que eu son
o Señor. 11A cidade non vos servirá de pota
nin vós serviredes de tallada no medio dela:
heivos xulgar sobre o territorio de Israel. 12E
deste xeito recoñeceredes que eu son o Se-
ñor, do que non seguistes os preceptos, senón
que obrastes segundo os costumes dos pobos
que están ao voso redor.

13Mentres eu profetizaba, Pelatías, fillo de
Benaías, morreu. Entón eu caín rostro en te-
rra e gritei con forte berro: –Ai, meu Señor,
Iavé! Vas ti exterminar o resto de Israel?

### O verdadeiro resto de Israel

14Entón veume a palabra do Señor nestes
termos: 15–Fillo de Adán, os teus irmáns, os
teus propios irmáns, os homes da túa familia
e toda a casa de Israel desapareceron, pois
os habitantes de Xerusalén dinlles a eles:
"Quedádevos lonxe do Señor; é a nós a quen
se nos deu esta terra en herdanza". 16Por iso
dilles: Así fala o Señor, Iavé:

Certo que os fixen apartar
entre os pobos,
certo que os esparexín polos países;
pero por un pouquiño eu fun para eles
un santuario nos países a onde foron.

17Por isto, así fala o Señor Iavé:
Heivos reunir de entre os pobos,
heivos xuntar de entre os países
a onde fostes esparexidos,
e heivos dar a terra de Israel.
18Entrarán nela e retirarán dela
todos os seus ídolos
e todas as súas abominacións.
19Heilles dar un só corazón
e infundirei en vós un espírito novo:
arrincarei da súa carne o corazón de pedra
e dareilles un corazón de carne,
20para que se comporten
conforme os meus preceptos,
garden os meus mandamentos
e os cumpran;
eles serán o meu pobo
e eu serei o seu Deus.
21Pero se o seu corazón se apega
á crenza dos ídolos
e das súas abominacións,
eu farei recaer o seu comportamento
sobre as súas cabezas,
–é o Señor, Iavé, quen fala.

### A gloria do Señor abandona o templo e vai a Caldea sobre o profeta

22Entón os querubíns levantaron as súas
ás, estando as rodas xunto a eles; a gloria do
Deus de Israel sobresaía sobre eles. 23A gloria
do Señor levantouse do medio da cidade e
detívose sobre o monte que está ao nacente
da cidade. 24Logo o Espírito arrebatoume e,
en éxtase baixo o efecto do Espírito do Se-
ñor, levoume a Caldea onda os desterrados, e
a visión que eu vira subiu por enriba de min.
25Eu conteilles aos desterrados todas as cou-
sas que o Señor me concedera ver.

**11**, 5 O *que se vos sobe á cabeza*: lit "as cousas que soben ao voso espírito". O espírito é a categoría antropolóxica das decisións entusiásticas da persoa, e aquí en concreto son as simpatías polos babilonios, ou mellor, polos pro-babilonios (cf v. 6).

**11**, 7 A aplicación do dito popular do v. 3 aos caídos nestas loitas partidarias, supón que estes pro-babilonios están de acordo coa vontade de Deus e que descansan seguros no xeol, mentres que eles –os dirixentes pro-exipcios–, non recibiran a conveniente sepultura, servindo de esterco sobre a tona da terra, o que equivale á aniquilación da persoa.

**11**, 14-21 O v. 15 presenta o xeito de pensar dos habitantes de Xerusalén, e a súa interpretación teolóxica das esperanzas salvíficas sobre o resto de Israel (v. 13). A introdución oracular do v. 14 fai que teñamos que entender o v. 15 como elemento de contraste co oráculo dos vv. 16-21.

**11**, 16-17 Contrástese o tema primitivo da dispersión do pobo, co tema salvífico de Deus como santuario espiritual dos mesmos desterrados. Esta espiritualización do tema do santuario é, pola data de **8**, 1, anterior á caída de Xerusalén, e á reunión dos deportados, verdadeiro resto de Israel.

**11**, 19 O futuro salvífico preséntase como unha transformación da interioridade do pobo: corazón (raíz dos plans e proxectos) e espírito (base da animación carismática ou diabólica da persoa). Os adxectivos "só" e "novo", son paralelos, e queren expresar a calidade superior da nova situación salvífica. O contraste entre o corazón de carne e o de pedra, subliña o contraste entre o arrepentimento e a obstinación, que levan ao fracaso (pedra coa que un se manca ao caer: cf **3**, 7-9; Xer **5**, 3; Zac **7**, 12).

**11**, 20 A transformación interior é previa a unha vida de fidelidade, cara á renovación da alianza, expresada na fórmula *eles serán ... seu Deus*.

**11**, 2lss Cf nota a **8**, 1-11. 25.

### Xesto simbólico da deportación para o príncipe e para os dirixentes

**12** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, ti estás vivindo no medio da casa Rebelde: teñen ollos para ver, e non ven; teñen oídos para escoitar, e non escoitan, pois son casa Rebelde. [3]Oe ti, fillo de Adán, prepara o teu fardelo de desterrado, e marcha ao desterro en pleno día, ante os seus propios ollos; marcha do teu lugar a outro lugar á vista deles, a ver se o ven, pois son casa Rebelde. [4]Colle o teu fardelo, fardelo de deportado, en pleno día á vista deles; e sairás polo serán e á vista deles, como os que saen para o desterro. [5]Á vista deles fura o muro e saca por el o fardelo. [6]Á vista deles bótao ás costas, sácao de noite, cubre a túa cara para non ver o país, fíxate: fago de ti un sinal para a casa de Israel.

[7]Eu fixen tal como se me mandara: collín en pleno día o meu fardelo como fardelo de desterrado, furei polo serán no muro coa man, saquei o fardelo na escuridade e cargueino ao lombo á vista deles.

[8]Á mañá seguinte veume a palabra do Señor nestes termos: [9]–Fillo de Adán, acaso non che preguntou a casa de Israel, a casa Rebelde, que era o que estabas a facer? [10]Dilles: Así fala o meu Señor, Iavé: Este oráculo é para o príncipe que hai en Xerusalén e para toda a casa de Israel que está no medio dela. [11]Dilles: Eu fun un sinal para vós. O mesmo que eu fixen, así se lles fará a eles: irán deportados ao desterro. [12]O príncipe que vive entre eles cargará ao lombo o seu fardelo na escuridade e sairá polo muro que furaron para poderen saír por el, tapará a súa cara para non ver cos seus ollos o país. [13]Eu estenderei a miña rede sobre el, e será cazado na miña trampa; levareino a Babilonia, país dos caldeos, pero el non a verá, aínda que morrerá alí. [14]E a todos os que están ao seu redor, aos seus axudantes e ás súas tropas esparexereinos aos catro ventos, e desenvaiñarei a espada tras eles. [15]E recoñecerán que eu son o Señor, cando os esparexa por entre os pobos e os disperse polos países. [16]Pero deixarei de entre eles un resto, uns poucos homes escapados da espada, da fame e da peste, para que conten as súas abominacións nos pobos a onde vaian. Entón recoñecerán que eu son o Señor.

### Xesto simbólico contra Xerusalén

[17]Veume a palabra do Señor
nestes termos:
[18]–Fillo de Adán, come o teu pan
con estremecemento,
bebe a túa auga con tremor e aprehensión.
[19]Haslle dicir á xente do país:
Así fala o Señor Iavé
acerca dos habitantes de Xerusalén,
dos que viven na terra de Israel:
Comerán o seu pan con aprehensión
e beberán a súa auga con medo,
pois a súa terra estará feita
unha desolación
chea da violencia de todos
os que habitan nela;
[20]as cidades que agora están habitadas,
estarán devastadas,
e o país será unha desolación.
Entón recoñecerán que eu son o Señor.

**12**, 1-16 Acción simbólica do profeta (vv. 3-7), introducida por unha acusación xeral da dureza e rebeldía do pobo ante a palabra profética (cf **2**, 5. 8; **17**, 12; **24**, 3). A acción simbólica tivo lugar en Tel Abib (Babilonia), aínda que se refire ao rei Sedecías e á súa deportación no ano 587. Os destinatarios inmediatos son os deportados, pois no oráculo de explicación (vv. 8-16) alude a eles en terceira persoa. O castigo da casa real e dos seus dignatarios ten unha función salvífica despois de que os dispersos recoñezan a Iavé e de que o resto de Israel vexa no pecado a causa do castigo (vv. 15-16).

**12**, 3 *Fardelo*: lit. "obxectos útiles", equipaxe que levaba o deportado. Nos vv. 3-6, repítense as mesmas fórmulas.

**12**, 6 *Fíxate.* Mostra a razón teolóxica do sorprendente comportamento do profeta desterrado.

**12**, 9 O interrogante subliña como esta acción simbólica esixe a explicación do oráculo.

**12**, 10 *No medio dela*: en Xerusalén.

**12**, 12-14 Estes vv. son engadidos redaccionais, que recollen as circunstancias históricas do cumprimento das palabras proféticas (cf 2 Re **25**, 4-7).

**12**, 13 A *rede* non é unha metáfora, senón algo moi real. Empregábase para cazar os fuxitivos, mentres corrían, xa desde a época sumérica (3.º milenio): cf **17**, 20; **32**, 3; Xob **19**, 6; Hab **1**, 5-17).

**12**, 14 *Os catro ventos*: é un merismo (en hebreo e en galego), e equivale a "en todas as direccións".

**12**,17-20 Contén unha acción simbólica (vv. 17-18) e o correspondente oráculo clarificador (vv. 19-20), e refírese aos veciños de Xerusalén en xeral, deixando ver a situación de asedio e do perigo de asalto da cidade. A data e situación do profeta é a mesma ca a da unidade anterior. O oráculo é un oráculo de xuízo de castigo, en orde inversa: anuncio de castigo + acusación + anuncio de castigo, para acabar co anuncio salvífico do recoñecemento do Señor.

**12**, 21-28 Este texto está composto de dúas respostas divinas, negando a verdade de dous ditos populares dos habitantes de Xudá (vv. 21-25; 26-28), corrixíndoos por outro e por oráculos que subliñan o dinamismo interno da palabra. Os termos *visións, adiviñanzas, palabras,* teñen senso colectivo, e por isto van en plural.

**Dinamismo e eficacia das visións e palabras de Iavé contra os ditos populares**

21Veume a palabra do Señor nestes termos: 22–Fillo de Adán, que significa para vós este dito na terra de Israel, cando dicides: "Os días alónganse, e perde forza a visión?". 23Pois ben, dilles: Así fala o Señor Iavé: Eu acabo con este dito que non se volverá a usar máis en Israel. Máis ben, dilles ti estoutro: "Están cerca os días do cumprimento de toda visión profética". 24Certo, non volverá a haber visións vas nin adiviñanzas mentireiras na casa de Israel. 25Pois eu, Iavé, falarei o que teña que falar, unhas palabras que se cumprirán e non se volverán demorar; si, nos vosos días, casa Rebelde, falarei unha palabra e cumprireina –é o Señor Iavé quen fala.

26Veume a palabra do Señor nestes termos: 27–Fillo de Adán, velaí a casa de Israel que anda dicindo: "As visións deste van para longo, este profetiza para tempos remotos". 28Pois ben, dilles: Así fala o Señor, Iavé: Ningunha das miñas palabras se demorará, pois eu digo unha palabra e cúmprese –é o Señor Iavé quen fala.

**Oráculos reelaborados contra os falsos profetas de Xerusalén**

**13** 1Veume a palabra do Señor nestes termos: 2–Fillo de Adán, profetiza contra os profetas de Israel, profetiza e dilles aos que profetizan desde o seu propio corazón: Escoitade a palabra do Señor. 3Así fala o Señor Iavé:

Ai dos profetas que profetizan
e seguen o seu propio espírito,
pero sen veren!
4Como as raposas entre as ruínas
son os teus profetas, Israel.
5Non subistes ás crebas,
non erguestes un muro
ante a casa de Israel,
para que resistise firme na guerra,
o día do Señor.
6Viron cousas ilusorias,
e adiviñaron mentiras
os que dicían "oráculo do Señor",
cando El non os mandou,
aínda que agardaban
que lles confirmase a palabra.
7Acaso non vistes vós visións ilusorias,
e acaso non dixestes
adiviñanzas mentireiras,
cando diciades "oráculo do Señor",
pero eu non falara?
8Por iso, así fala o Señor Iavé:
–Por falardes en van
e terdes visións mentireiras,
por isto estou eu contra vós,
–é o Señor, Iavé quen fala–:
9A miña man estará contra os profetas
que profetizan visións ilusorias
e adiviñanzas mentireiras;
eles non formarán parte
da asemblea do meu pobo,
nin serán inscritos
no censo da casa de Israel,
nin entrarán na terra de Israel.
Así recoñeceredes
que eu son o Señor, Iavé.
10Polo feito de que eles
extravían o meu pobo,
dicíndolle: "Haberá paz",
cando non a haberá,
e cando o meu pobo constrúe un muro,
eles danlle o recebo;
11por isto dilles aos que fan o recebo:

**12**, 22 O termo *visión* ten dende o s. VII o sentido de revelación, ou comunicación oracular, recibida ou non en visión profética.

**13**, 1-6 Este texto contén un Ai de oráculo de xuízo de castigo contra os falsos profetas anteriores á caída de Xerusalén do ano 587. Está formado polos vv. 3-4. 6. 9 (acusación) e polos vv. 10. 11 (16) (xuízo de castigo), onde se fala destes profetas en terceira persoa, para logo -unha vez que foron desterrados-, engadir unhas acusacións directas (en 2.ª persoa: vv. 5. 7-8. 12-15). O autor dos engadidos, foi o mesmo profeta, que tivo problemas no desterro cos que anunciaban mensaxes de prosperislade.

**13**, 1-3 Os *que profetizan desde o seu propio corazón.* Eses son os que non recibiron a palabra do Señor, senón que falan do que xorde dos seus plans e proxectos políticos. A expresión coméntase no v. 3 con "seguen o seu propio espírito" (como raíz da enerxía interior e da fonte de inspiración interna).

**13**, 3 *Sen veren,* sen recibir comunicacións divinas.

**13**, 5 As imaxes das fendas e das murallas simbolizan a fidelidade á alianza, o único que dá seguridade diante do Señor.

**13**, 7 *Vistes .. . visións.* Equivale a recibir comunicacións, que aquí son vas (cf notas ao v. 3, e a **12**, 22).

**13**, 9 *A asemblea.* Era a xuntanza do pobo con finalidade cúltica, civil ou militar. Aquí expresa a pertenza ao pobo. Este oráculo de xuízo de castigo, ten unha función salvífica (cf nota a **12**, 17-20).

**13**, 10 *Paz* (heb."xalom") indica a fartura, a abundancia e a felicidade. A imaxe da construción do muro hai que relacionala coa da casa (v. 9), co senso de tribo, pobo. Aquí, o muro simboliza os plans de independencia respecto de Babilonia, apoiados en alianzas políticas, e contra a fidelidade á alianza con Iavé (cf cc. **16** e **23**; Os **1**, 3s ... ), aínda que teñen aparencias de conformidade coa vontade de Deus, que ofrecen os falsos profetas.

**13**, 11 Na edificación das casas non se buscaban os alicerces, senón que se achanzaba o terreo, polo que a tormenta, a saraiba e o furacán provocaban desastres que non tiñan solución.

Caerá de certo,
haberá unha tormenta destrutora,
farei que caian bolas de pedrazo
e que irrompa un vento de furacán.
12E velaquí: caerá o muro.
Non se vos preguntará entón:
"Onde está o recebo que vós destes?".
13Por isto, así fala o Señor Iavé:
Desencadearei un vento de furacán
coa miña ira,
coa miña ira haberá
unha tormenta devastadora,
e co meu anoxo haberá
pedrazo para a destrución.
14Eu tirarei o muro
ao que vós lle destes recebo,
e fareino vir á terra;
os seus alicerces quedarán ao descuberto;
caerá, e vós pereceredes debaixo del.
Entón recoñeceredes que eu son o Señor.
15Eu levarei ao extremo
a miña ira contra o muro,
e contra os que lle deron o recebo,
e logo direivos: "Xa non hai nin muro
nin os que lle deron o recebo".
16Os profetas de Israel
profetizan sobre Xerusalén,
e ven acerca dela visións de paz,
pero non hai paz,
–é o Señor, Iavé, quen fala.

**Oráculos de xuízo contra as falsas profetisas**

17–Oe, fillo de Adán, encárate coas fillas do teu pobo, que profetizan o que lles sae do seu corazón, e profetiza contra elas. 18Dilles: Así fala o Señor Iavé:
Ai das que cosedes lazos
en todos os pulsos
e facedes carapuchos para as cabezas
de calquera medida para cazar a vida!
Declarades cazada a vida do meu pobo,
mentres mantedes viva a vosa propia vida.
19Profanádesme diante do meu pobo
por un puñado de cebada,
por un bocado de pan,
sentenciando a morte
a vida que non debía morrer,
e mantendo viva a vida
que non tiña dereito a vivir,
embelecando o meu pobo
que escoita os vosos embustes.
20Por iso, así fala o meu Señor Iavé:
Velaquí que eu estou contra
os vosos carapuchos,
cos que vós cazades as vidas
coma paxaros;
arrincareinos dos vosos brazos,
e deste xeito deixarei libres as vidas
que vós cazades, a vida dos paxaros.
21Racharei os vosos carapuchos
e librarei das vosas mans o meu pobo,
que non volverá ser presa
das vosas mans.
Deste xeito recoñeceredes
que eu son o Señor.
22Por aflixirdes o corazón do xusto
con mentiras, sen que eu o aflixa;
e por apreixardes forte as mans do impío,
para que non se retire
do seu mal comportamento
e deste xeito poida vivir;
23por isto, non volveredes ter
máis visións ilusorias,
non volveredes adiviñar
máis adiviñanzas mentireiras;
librarei o meu pobo das vosas mans.
Entón recoñeceredes que eu son o Señor.

**13**, 12 Despois de expresar a caída dos plans dos falsos profetas no ano 587, Ezequiel encárase cos seus adversarios, desenvolvendo a imaxe dos vv. 10-11, mostrando como o desastre aínda non acabou, pero sen esquecer a función salvífica do mesmo (cf v. 14).
**13**, 17-23 Literalmente o texto contén un Ai de xuízo de castigo, coa acusación (vv. 18-19) e o anuncio do castigo (vv. 20-21). Os vv. 22-23 constitúen un novo oráculo de xuízo de castigo, que recolle o tema sapiencial do xusto e do impío. Os dous oráculos acaban coa función salvífica de recoñecemento do Señor (vv. 21. 23).
**13**, 17-18 A estas mulleres non se lles chama profetisas, senón que se di que profetizan ou que se consideran a si mesmas profetisas. Son máis ben feiticeiras, que acompañan o seu feitizo con mensaxes que cren recibir en visións ou adiviñacións (cf v. 23). O feito de coser lazos no pulso da man do que as consulta, ten que ter un sentido de malfeitizo, pois expresa a rixidez da morte; mentres que o poñer carapuchos na cabeza dos clientes ten un sentido de benfeitizo -anuncio de prosperidade e ascenso político-, pois a cabeza ten un valor simbólico de mando e dirección libre dos demais. O termo *vida* ten aquí o sentido de prosperidade. Cazar a vida, significa arruinala; mantémos a expresión, porque se repite en sentido contrario no anuncio de castigo do v. 20.
**13**, 19 A profanación de Iavé débese a que se invocaba o seu nome nestas declaracións. As acusacións de venalidade nas declaracións preparan o tema do segundo oráculo sobre o xusto e o impío (vv. 22-23).
**13**, 20 *Cazades as vidas*. Equivale a apoderarse dos bens alleos e de facer que as situacións de relativa prosperidade dos dirixentes pro-exipcios se estraguen cos seus xestos simbólicos de éxito, expresados polos carapuchos.
**13**, 22 Apreixar *forte as mans*: dar azos e alentar as obras do impío.

### Esixencia de pureza da fe para consultar o profeta

**14** [1]Viñeron onda min uns homes de entre os anciáns de Israel, que sentaron en fronte de min. [2]Entón veume a palabra do Señor nestes termos: [3]–Fillo de Adán, estes homes traen os ídolos no corazón, poñen diante deles o que os fai caer nas súas iniquidades, voume deixar consultar?, voume deixar consultar por eles?

[4]Por isto fálalles e dilles: Así fala o Señor, Iavé: Calquera home da casa de Israel que traia os seus ídolos no corazón, e que traia diante del o que o fai caer nas súas iniquidades, se vén onda o profeta, eu, Iavé, virareime contra o profeta por culpa del, por culpa da multitude dos seus ídolos. [5]Deste xeito, sorprenderei a casa de Israel nos seus pensamentos, pois apartáronse de min por culpa de todos os seus ídolos. [6]Por isto, dille á casa de Israel: así fala o Señor, Iavé. Arrepentídevos e convertédevos das vosas idolatrías, e retirade a cara de todas as vosas abominacións, [7]pois, se un calquera da casa de Israel ou dos forasteiros que residen en Israel se aparta de min e trae os seus ídolos no corazón e pon diante de si o que o fai caer nas súas abominacións, e logo vén xunto do profeta consultarme por medio del, eu, Iavé, virareime contra o profeta por culpa súa. [8]Encarareime con el, convertereino nun escarmento proverbial e arrincareino do medio do meu pobo. Deste xeito vós recoñeceredes que eu son o Señor. [9]En canto a ese profeta, se se deixa seducir e pronuncia un oráculo, eu, o Señor, seducirei a ese profeta, estenderei a miña man contra el e extirpareino do medio do meu pobo, Israel. [10]Os dous cargarán coa súa culpa, pois a culpa do profeta é a mesma ca a culpa do que fai a consulta. [11]Deste xeito a casa de Israel non volverá apartarse de min, nin volverá profanarse con todas as súas infidelidades, senón que serán o meu pobo e eu serei o seu Deus –é o Señor, Iavé, quen fala.

### Irremediable castigo contra Xerusalén

[12]Veume a palabra do Señor nestes termos: [13]–Fillo de Adán, poñamos o caso dunha cidade: se peca contra min e comete un sacrilexio, entón eu estendo a miña man contra ela, córtolle as provisións de pan, mando contra ela a fame e retiro dela homes e animais. [14]Se estivesen no medio da cidade estes tres homes, Noé, Daniel e Xob, eles salvarían a vida por mor da súa xustiza. [15]Ou se non, se eu soltase feras salvaxes nesa cidade deixándoa sen fillos, volveríase unha desolación por falta de quen pasase por ela a causa das feras; [16]aínda que estes tres homes estivesen no medio dela, xúroo pola miña vida –é o Señor, Iavé, quen fala– que nin salvarían os seus fillos nin as súas fillas, senón que soamente eles se salvarían e a cidade quedaría feita unha desolación. [17]Ou se non, se mandase a espada contra esa cidade e dese ordes de que a espada atravesase a cidade, e deste xeito eu eliminase dela homes e animais, [18]aínda que estivesen dentro da cidade estes tres homes, xúroo pola miña vida! quen fala é o Señor, Iavé que non salvarían os seus fillos nin as súas fillas, senón que se salvarían eles sos. [19]Ou se non, se eu mandase peste a ese país e contra el vertese o meu anoxo en sangue, eliminando dese país homes e animais, [20]aínda que Noé, Daniel e Xob estivesen no país, xúroo pola miña vida! –quen fala é o Señor, Iavé– que non salvarían nin fillo nin filla, aínda que por mor da súa xustiza eles salvarían a vida.

[21]Velaquí o Señor Iavé, que fala así: Aínda que eu mande contra Xerusalén os meus

**14**, 1-11 O texto presenta un feito histórico localizable en Babilonia, pois alude aos anciáns de Israel, dirixentes da comunidade do desterro. O profeta recibe da parte do Señor a clarividencia do seu interior idolátrico, sobre o que no formulario da "torah" profética (formulación en condicións hipotéticas: vv. 4. 7. 9), presenta o rexeitamento divino da tal acción, sexa respecto ao profeta, sexa respecto ao que consulta. Non obstante, o castigo divino non é aniquilador, senón salvífico, a xulgar pola exhortación á conversión (cf v.6), polo recoñecemento do Señor (v. 8) e polo escarmento xeral (v. 8), que levará á plena fidelidade á alianza (v. 11). A pureza da fe como total confianza no poder de Iavé é condición esencial para realizar con éxito a consulta que o profeta fai a Iavé.

**14**, 3 *Poñen diante deles*: expresión relativa aos ídolos que adoran, e nos que poñen a confianza.

O *corazón* está aquí polas intencións, as crenzas nos poderes salvíficos, transcendentes.

**14**, 4 *Virareime* contra o profeta (lit. "contra este"). O profeta, na súa clarividencia, percibe a ira de Deus contra si mesmo, por se deixar consultar.

**14**, 5 *Pensamentos*: lit "corazón" (cf nota ao v. 3).

**14**, 12-23 Esta sección está composta de dúas partes: a) vv. 12-20, en torah profética (ao estilo da resposta casuística dos sacerdotes-xuíces), na que o xuízo de castigo contra Xerusalén se subliña co tema da retribución individual; e b) os vv. 21-23: un dobre oráculo de consolación polo cumprimento do xusto xuízo de Deus, un dirixido aos babilonios e outro aos primeiros deportados.

**14**, 13 *Cidade*: cf nota a Xer **6**, 8.

**14**, 14 Dos tres xustos lendarios, soamente Daniel é alleo ás vellas tradicións biblicas, pero non así ás tradicións cananeas (cf a lenda de Daniel en ugarítico, de onde o colle Ez para pasalo despois, coa pseudonimia, ao Dn bíblico).

**14**, 15 Aínda que o tema da retribución individual non é o obxecto fundamental da exposición, está presente no texto como a razón do inexorable xuízo de Deus: os fillos non se ven protexidos pola xustiza de seus pais.

catro terribles castigos: a espada, a fame, as feras salvaxes e mais a peste para eliminar dela homes e animais, [22]dela quedarán só os fuxidos, os fillos e mais as fillas que puideron escapar. Ollade que virán onda vós, e vós comprobaredes o seu comportamento e os seus feitos; deste xeito consolarédesvos da desgraza que eu trouxen contra Xerusalén, de todo o que trouxen contra ela. [23]Os mesmos fuxidos vos consolarán, pois comprobaredes o seu comportamento e mais os seus feitos. Vós recoñeceredes que non sen razón fixen eu todo o que fixen nela –quen fala é o Señor Iavé.

### A parábola das vides: oráculo contra Xerusalén

**15** [1]Veume a palabra do Señor
nestes termos:
[2]–Fillo de Adán,
que é a madeira da vide
comparada coa de todas as árbores?
As vides que lugar teñen
entre as árbores do bosque?
[3]Cóllese, por acaso, dela a madeira
para facer algo útil?
Cóllese dela un gancho
para colgar calquera cousa?
[4]Velaí, bótase no lume
para que a consuma,
e o lume consómelle as dúas puntas,
e o seu centro arde en labarada;
servirá, aínda, para algunha cousa?
[5]Se cando estaba enteira
non se empregaba para cousa ningunha,
moito menos, cando a consome
o lume e arde en labarada,
se poderá volver a empregar en obra útil!
[6]Por iso, así fala o meu Señor, Iavé:
O mesmo que entre a madeira
do bosque
eu destinei a madeira da vide
para pasto do lume,
así destinarei ao lume
os habitantes de Xerusalén
[7]e dirixirei contra eles o meu furor:
escaparon do lume,
pero o lume consumiraos.
E vós recoñeceredes que eu son o Señor,
cando dirixa contra eles
o meu rostro irado,
[8]e converta a súa terra nunha desolación,
xa que se comportaron perfidamente
–é o Señor quen fala.

### Alegoría dos amores culpables de Xerusalén

**16** [1]Veume a palabra do Señor
nestes termos:
[2]–Fillo de Adán,
faille saber a Xerusalén
as súas abominacións,
[3]dille: Así fala o meu Señor, Iavé:
Xerusalén! As túas orixes
e mais os teus devanceiros
proveñen do país dos cananeos:
teu pai é amorreo e túa nai hitita.
[4]Tales son os teus devanceiros:
O día que naciches,
non che ataron o cordón do embigo,
non te lavaron con auga
por pura compaixón,
nin te lavaron con auga salgada,
nin te enfaixaron.
[5]Ninguén se apiadou de ti

**14**, 22 A consolación dos babilonios está na base dun universalismo iavista, que se desenvolve no desterro.
**15**, 1-8 Parábola que recolle o paralelismo das videiras, que non valen máis que para o lume (vv. 2-5), co xuízo de castigo divino contra Xerusalén (vv. 6-8), no que a cidade e os habitantes son destinados á ira de Deus, a un lume devorador. O texto diríxese aos desterrados, pois o castigo serviralles para recoñecer o señorío de Iavé.
**16**, 1-63 Esta longa unidade non é unha parábola, pois a imaxe do pobo como unha matrona esposada con Deus é da acción vivificadora de Iavé (vv. 6ss), é habitual para o A. T., e porque ademais o centro teolóxico do texto está na triple acusación e anuncio de castigo que se ve presente xa na historia (aínda que, desde a segunda acusación, se introduza a perspectiva salvífica). Resulta este esquema: A) 1) Contraste dos beneficios de Deus en favor do pobo (vv. 3-14), que subliñan a importancia da 2) acusación de infidelidade a Deus, esposo benfeitor (vv. 15-26). 3) Castigo, xa presente na insatisfacción das súas apetencias (vv. 27-29). B) 1) Nova acusación: ser peor ca as outras prostitutas (vv. 30-34). 2) Anuncio de castigos xa presentes (vv. 35-36) e futuros (vv. 37-41a). 3) Anuncio de salvación (vv. 41b-42). C) 1) Despois dunha curta acusación e anuncio de castigo (v. 43), aparece: 1) a tipificación da acusación, e o desenvolvemento da mesma (vv. 44-52). 2) O anuncio do castigo (vv. 53-54). 3) Promesa salvífica para un futuro (vv. 55-57). Conclusión: Chamada a soportar o castigo, pois, aínda que Iavé rompeu a alianza co pobo (vv 58-59), vai restablecela de cheo (vv 60-63). Esta conclusión vén preparada en A) I), onde se subliña o poder creador de Deus, sen colaboración por parte do pobo.
**16**, 3-5 Todas estas referencias ás orixes da señora (Xerusalén) son negativas. Queren salientar a total gratuidade da acción vivificadora de Iavé (vv. 6ss).
**16**, 3 *Amorreo* (cananeo), pois tales eran os iebuseos, moradores de Xerusalén antes da conquista de David, onde se mesturaban con xentes de orixe hitita (indoeuropeos): cf 2 Sam **11**, 3; **23**, 39; **24**, 16-18.
**16**, 4 *Ataron o cordón do embigo*: lit. "cortou o fluxo de sangue do embigo".
*Por pura compaixón*: o vocábulo hebreo hai que poñelo en relación cunha raíz ugarítica, que significa ofrenda, regalo. Lavar *con auga salgada*: para secar ben a pel.
**16**, 5 *Ninguén*: lit. "non houbo ollo", como raíz da piedade e compaixón.

facéndoche algunha destas cousas,
por compaixón contigo,
senón que dabas noxo,
e fuches botada ao campo
o día que naciches.
6Pero pasei eu onda ti, e olleite
no teu propio sangue,
e a ti, que estabas
no teu propio sangue, repetinche:
"Vive 7e medra,
vólvete coma as herbas do campo".
E ti medraches e fixécheste moza,
chegaches á ledicia do teu crecemento:
os dous peitos afirmáronseche
e naceuche o teu pelo,
mais estabas espida e en coiros.
8Volvín pasar onda ti e fixeime en ti:
Velaquí, a túa idade era a idade do namoro;
estendín o meu manto sobre ti
e cubrín a túa nudez;
comprometinme contigo con xuramento,
e entrei en alianza contigo
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–
e fuches miña.
9Logo laveite con auga,
limpei o sangue de enriba de ti
e unxinte con aceite.
10Despois púxenche roupas bordadas,
calceite con pel de coiro fino,
púxenche un cinto de liño ben curado,
e cubrinte cun mantón de seda.
11Engalaneite de xoias:
puxen pulseiras nos teus brazos
e colares no teu pescozo.
12Puxen un anel no teu nariz,
pendentes nas túas orellas
e unha coroa preciosa na túa cabeza.
13Engalanábaste con ouro e prata,
os teus vestidos eran de liño ben curado,
seda e bordados;
comías o óleo da fariña, mel e aceite;
estabas moi fermosa
e conseguiches ser raíña.
14O teu nome correu entre as nacións
por mor da túa beleza,
co esplendor que eu puxera en ti,
tan perfecta era a túa beleza!
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
15Fiácheste da túa beleza
e afincada no teu renome,
décheste á prostitución.
Ofreciches a cantos pasaban
os teus engados de prostituta
–é ben certo que así segue sendo–.
16Colliches os teus vestidos
e fixeches con eles prostíbulos de cores,
para fornicar fóra sobre os vestidos;
e deste xeito segue sendo.
17Colliches as túas preciosas xoias,
feitas co ouro e a prata
que eu che regalara,
e facías para ti imaxes de homes
para prostituírte con elas.
18Collías os teus vestidos bordados
para as cubrires, e ante elas
ofrecías o meu aceite
e mais o meu incenso.
19A comida que eu che daba
–o óleo da fariña, o aceite
e mais o mel con que eu te alimentaba–
ofrecíchela ante elas
como perfume agradable:
así segue sendo
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
20Collías os teus fillos e fillas,
os fillos que ti me deras,
e ofrecíalos en sacrificio
ás imaxes para que os comesen.
Acaso isto é menos grave
ca a túa prostitución?
21Degolabas os meus fillos,
e facíalos pasar polo lume en honra delas.
22Ante as túas abominacións
e prostitucións
non te lembrabas
dos días da túa mocidade,
cando estabas espida e en coiros,
a rebolos no teu propio sangue.
23E velaí, ademais de toda a túa ruindade
ai, ai de ti!,
–é o meu Señor, Iavé, quen o di–
24construías os teus altares,

**16**, 7 *Ledicia do teu crecemento* (lit. "dobre inchamento"): referido á aparición dos seos na mociña. As referencias á menstruación, que fan algúns, non son correctas, xa que a menstruación é considerada polo semita como impureza.
**16**, 8 Estender o *manto,* cubrir a *nudez,* son expresións relativas ao matrimonio (cf **27**, 20; Dt **23**, 1; Rut **3**, 9). A nudez é aquí a desprotección e o desamparo, que se resolve co matrimonio.
**16**, 10 *Coiro fino.* A pel á que alude o vocábulo hebreo debe ser a da vaca mariña ou a dunha especie de golfiño.
**16**, 15 Nótese o contraste tráxico no feito de que, facéndolle Deus regalos á súa esposa, ela os empregue para darse á prostitución. Este mesmo contraste encóntrase na oposición entre a segunda persoa dos verbos (vv. 15-21) e o posesivo "meus", referido aos dons de Deus.
**16**, 17 *Prostituírte* (lit. "fornicares"). Vén sendo o culto idolátrico, no que era habitual a prostitución sagrada.
**16**, 20-21 Da ofrenda dos fillos a Baal, fálase tamén en **20**, 25-26; cf Xer **7**, 30-31; **19**, 5; **32**, 35. Nótese a especial defensa da vida humana, que se pon á mesma altura ca o culto lexítimo debido a Iavé.
**16**, 22 *Lembrabas* ... : É a meditación reflexiva sobre as tradicións da constitución do pobo e da historia da salvación, que alimenta a fe do pobo.

e facías os teus enganos en todas as prazas.
[25]Por todos os camiños máis importantes
construías os teus enganos;
emporcallabas a túa fermosura,
ofrecendo o teu corpo
a todo aquel que pasa,
multiplicando así as túas prostitucións.
[26]Décheste á prostitución cos exipcios,
os teus veciños de robusta natureza;
e tanto multiplicaches
as túas prostitucións,
que me anoxaches a min.
[27]E así eu estendín a miña man contra ti,
e cortei as túas pretensións;
entregueite ás apetencias
das túas inimigas,
as fillas dos filisteos,
que estaban avergonzadas
do teu comportamento infame.
[28]Fornicaches cos fillos de Asur
sen te fartares,
e volviches fornicar con eles
e tampouco te fartaches.
[29]Multiplicaches as túas fornicacións
con Caldea, no país de Canaán,
e nin con isto te fartaches.
[30]Que ardoroso estaba o teu furor sexual
–é o Señor, Iavé, quen fala–
cando facías todas estas cousas,
feitos de esposa prostituta e dominante!
[31]Cando construías os teus altares
nos camiños máis importantes,
e facías os teus enganos en todas as prazas,
non eras coma as outras prostitutas.
Ti burlábaste da paga!
[32]Es a muller adúltera,
que en vez de ao seu esposo,
acolle a alleos!
[33]A todas as prostitutas
lles dan obsequios,
pero ti dábaslles o teu regalo de voda
aos teus amantes, e agasallábalos
para que viñesen a ti de todo o arredor
por mor das túas prostitucións.
[34]Pasaba contigo, nas túas prostitucións,
o contrario das outras mulleres:
detrás de ti non ía ninguén,
ti dabas o teu regalo,
mais regalo a ti non che daban,
e deste xeito ti andabas ao revés.
[35]Por iso, ti, prostituta,
escoita a palabra do Señor.
[36]Así fala o meu Señor, Iavé:
Xa que a lisura da túa pel se murchou,
e a túa nudez se descubriu
nas fornicacións
cos teus amantes
e con todos os teus abominables ídolos,
polo sangue dos teus fillos,
que ti lles ofreciches;
[37]por isto vou eu reunir
a todos os que odias,
a todos os teus amantes,
os que ti compraciches,
a todos os que lles querías ben:
vounos reunir na túa presenza
de todo o contorno
e vou descubrir a túa nudez diante deles,
para que miren toda a túa nudez.
[38]Xulgareite coa sentenza das adúlteras
e das que verten sangue
e lamentaraste baixo o meu furor
e os meus celos.
[39]Poñereite nas súas mans,
para que destrúan os teus prostíbulos
e rompan os teus enganos,
para que che quiten os vestidos
collan as túas preciosas alfaias,
e te deixen espida e en coiros.
[40]Farán subir a xente contra ti,
para que te acantacen con pedras
e te esnaquicen coas súas espadas.
[41]Queimarán as túas casas con lume
e cumprirán contigo a sentenza
á vista de moitas mulleres;
farei que deixes de ser unha prostituta,
e non volverás facer regalos.
[42]Aplacarei a miña ira contra ti,
os meus celos apartaranse de ti
e quedarei tranquilo
para non volver irarme.
[43]Por non te dares acordado
dos días da túa mocidade,
e mostrar o teu anoxo contra min
con todas estas cousas,
tamén eu farei recaer o teu comportamento

**16**, 25 *Máis importantes*: lit. "da cabeza", por ser a base da dirección.
**16**, 26 A *robusta natureza*: eufemismo.
**16**, 27 *Os filisteos,* dependentes de Babilonia, anexionaran unha boa parte de Xudá nese momento histórico (cf **25**, 15ss).
**16**, 28-29 Coa imaxe da insatisfacción sexual exprésase o fracaso rotundo das alianzas con Asiria e Babilonia. Posiblemente Asur aquí é o símbolo do dominio opresivo de Babilonia (= Caldea). *No país de Canaán.* Non se refire a Babilonia, senón a Filistea, onde se facían os pactos cos caldeos ou babilonios.
**16**, 36 *Lisura da túa pel*: en paralelo con nudez. *Murchou* (lit. "verteu"): no senso de perder a lisura, refirese á perda de territorios (cf nota ao v. 27) e de poboadores, pola deportación do ano 598.
**16**, 37 A *nudez* é a privación da dignidade e da liberdade política, coa conseguinte vergonza.
**16**, 38 *Lamentaraste*: lamentación causada "polo meu furor".

sobre a túa cabeza,
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–
e realizarei de certo o meu plan,
á vista de todas as túas abominacións.
44E todos os que fan refráns,
din este acerca de ti:
"De tal nai, tal filla".
45Es ben filla de túa nai,
que renega do seu home
e mais dos seus fillos;
es ben irmá de túas irmás
que renegaron dos seus homes
e mais dos seus fillos.
A vosa nai era hitita
e o voso pai amorreo.
46A túa irmá maior é Samaria
e mais as súas fillas,
vive á túa dereita;
e a túa irmá máis nova,
a que vive á túa esquerda,
é Sodoma e mais as súas fillas.
47Non imitaches moderadamente
o seu comportamento
nin só cometiches as súas abominacións,
senón que con todo o teu comportamento
pecaches máis ca elas.
48Xuro pola miña vida
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–
que Sodoma, a túa irmá,
e mais as súas fillas,
non se comportaron
como vos comportastes ti e mais as túas.
49Velaquí o delito de Sodoma:
soberbia, fartura de pan
e tranquilidade imperturbable
tiñan ela e mais as súas fillas,
pero non sostiveron coa man
ao desgraciado e ao pobre.
50Ensoberbecéronse e cometeron
abominacións na miña presenza,
e entón eu refugueinas tan pronto
como as vin.
51E Samaria non cometeu
nin a metade dos teus pecados;
ti multiplicaches
as túas abominacións máis ca ela,
de xeito que coas abominacións
que ti cometiches
fixeches parecer xustas as túas irmás.
52Pois ti soporta logo a túa vergonza,
xa que cos teus pecados fas de mediadora
en favor das túas irmás.
Xa que te fixeches
máis abominable ca elas,
son elas máis xustas ca ti.
Avergónzate, pois,
e soporta a túa vergonza,
xa que fas parecer xustas as túas irmás.
53Trocarei a súa catividade:
a catividade de Sodoma e das súas fillas,
e mais a catividade de Samaria
e das súas fillas.
Catividade será a túa
en comparanza coa delas,
54para que soportes a túa vergonza
e te avergonces de todo canto fixeches,
servíndolles así de consolación a elas.
55As túas irmás, Sodoma
e mais as súas fillas,
volverán ao seu estado anterior,
e Samaria e mais as súas fillas
volverán ao seu estado de antes;
pero tamén ti e mais as túas fillas
volveredes ao voso estado de antes.
56Sodoma, a túa irmá,
serviu de burla na túa boca
o día do teu orgullo,
57antes de que se descubrise
a túa ruindade.
Certo, está chegando
a vergonza das fillas de Aram
e todas as súas veciñas,
e as fillas dos filisteos,
vanse burlar de ti por todo o arredor.
58Soporta, pois, a túa depravación
e mais as túas abominacións
–é o Señor quen fala–.

59Pois, así fala o meu Señor, Iavé:
Comportareime contigo
tal como ti fixeches comigo,
pois desprezaches o xuramento
e rompiches a alianza.
60Pero eu lembrareime da miña alianza,
do sinal que che dei
desde os días da túa mocidade,
e manterei contigo unha alianza eterna.
61E ti lembraraste do teu comportamento
e avergonzaraste,
cando ti acollas as túas irmás,

**16**, 46 A dereita é o S; e a esquerda, o N: pois os semitas orientábanse mirando ao nacente. A relación familiar con Sodoma ten valor de cidade pecadora por antonomasia e severamente castigada (cf Xén **18**, 16-**19**, 29).
**16**, 57 A expresión *fillas de Aram* alude a Xerusalén e ás cidades de Xudá. Chámanse deste xeito, por mor do arameo Abraham.
**16**, 59 O *xuramento*: as bendicións e maldicións anexas á alianza con Iavé (cf Dt **28**).
**16**, 61 A esperanza na volta das tribos de Israel (deportadas no ano 722) para formar o novo reino mesiánico, perdura no ano 587.

a máis vella e a máis nova,
pois dareichas a ti por fillas,
e farei firme a túa alianza.
62Porque eu manterei
a miña alianza contigo,
e ti recoñecerás que eu son o Señor,
63para que te acordes e te avergonces
e nunca máis teñas
que abrir a boca con vergonza,
cando eu che perdoe todo o que fixeches
–é o Señor quen fala.

**Alegoría de xuízo de castigo e de salvación**

**17** 1Veume a palabra do Señor
nestes termos:
2–Fillo de Adán propón un enigma,
imaxina unha parábola
para a casa de Israel,
3dille: Así fala o meu Señor, Iavé:
A aguia grande, de grandes ás,
de longa envergadura,
de espesa plumaxe,
de cor pintada,
voou ata o Líbano;
e colleu a copa do cedro,
4esgazou a punta do seu gromo,
levouna a unha cidade de traficantes,
e púxoa nunha cidade de arrieiros.
5Logo colleu parte da semente
da cidade
e sementouna en terra de labradío,
á beira de augas abundantes,
xunto a un remanso.
6Prendeu e converteuse
nunha cepa opulenta, de baixa altura,
dirixía as súas ramas cara o cedro,
e as súas raíces puxéronse debaixo del,
e converteuse nunha cepa.
Botou vides e sacou abrochos,
e agromou cos bacelos.
7Logo apareceu unha aguia grande,
de grandes ás e de moita plumaxe;
e, velaí, a cepa estendeu avidamente
as súas raíces cara a aguia
e dirixiu cara a ela as súas ramas,
para beber dela máis ca no bacelo
do seu plantío,
8aínda que estaba plantada
nun terreo chuvioso,
xunto a augas abundantes,
para botar vides e para dar froito,
para ser unha cepa excelente.

9Dille: Así fala o meu Señor, Iavé:
Seguirá adiante?
Non a arrincará de raíz a aguia
e non lle esgazará o froito e secará?
Todos os rebentos
da súa medra secarán,
pois ela con brazo forte
e cun pobo numeroso
é forte abondo para a levantar de raíz.
10Olládea, a plantada cepa,
seguirá adiante?
Acaso non secará cando a azoute
o vento soán?
Acaso non secará no bacelo
onde foi plantada?

11Veume a palabra do Señor
nestes termos:
12–Dille á casa rebelde:
Non sabedes o que quere dicir isto?
Dille: Ollade, o rei de Babilonia
veu a Xerusalén,
colleu o seu rei e mais os seus príncipes,
e levounos xunto del a Babilonia.
13Colleu un de estirpe real
e fixo con el un pacto
comprometéndoo con xuramento;
levou os nobres do país,
14para que fose un rei humilde
e deste xeito non se levantase,
para que gardase a súa alianza

**17**, 1-25 a texto unitario preséntase como unha fábula. Interveñen animais -dúas aguias- e plantas -o cedro e a vide-, pero con referencias a personaxes e institucións humanas (vv. 3-10. 22-25). Esta linguaxe de fábula clasificase nunha sección (vv. 11-21) de linguaxe directa, que se considera oráculo divino, aínda que os oráculos tamén se presentan nas seccións parabólicas dos vv. 9-10. 22-25. As dúas aguias son símbolos do poder de dous grandes reis: Nabucodonosor (vv. 3. 9) e o faraón exipcio (v. 7). O cedro vén simbolizar a casa real de Xerusalén, herdeira da bendición divina, coa que se identifica o Líbano. A vide equivale ao pobo de Deus. O terreo chuvioso xunto a augas abundantes é a terra da bendición divina, na que está o templo de Iavé. O centro teolóxico do texto está constituído polos dous oráculos de xuízo de castigo contra Sedecías (vv. 16-21), e polo oráculo mesiánico dos vv. 22-25, que acaba cunha afirmación solemne de señorío do Iavé sobre a historia .
**17**, 4 *Cidade de traficantes*. O hebreo *eres* ten o senso de cidade, por mor do paralelismo con 4c (cidades de arrieiros). Refírese a Babilonia.
**17**, 5 A *semente da cidade* equivale a un home da cidade. Aínda que se trata de "un de estirpe real" (cf v. 23), a teoloxía hebrea nunca considerou a Sedecías como rei davídico, a pesar de que el pretendía selo (cf v. 6).
**17**, 7 *Avidamente*: con devezo de prosperidade e de fartura.
**17**, 9 *A aguia.* Refírese aquí á primeira, a do v. 3 (= Nabucodonosor).
**17**, 10 O *vento soán* é un símbolo do castigo divino, do que falan os vv. 15-21.
**17**, 14 *Rei* (lit. "reino"): metonimia, designando o concreto mediante o abstracto.

e que esta fose estable.
15Pero rebelouse contra el,
mandando mensaxeiros a Exipto,
para que lle desen cabalos
e moitos soldados.
Terá éxito?
Librarase o que fixo tales cousas?
Quebrantou o pacto, e librarase?
16Xuro pola miña vida, –é o meu Señor, Iavé, quen fala– que no país do rei que o fixo reinar a el, o do xuramento que el desprezou e o do pacto que el quebrantou, nese país, el morrerá: no medio de Babilonia. 17Pero o Faraón non se fará ver na guerra cun gran exército e cunha numerosa multitude, cando se levanten terrapléns e se constrúan muros de asedio para segar moitas vidas. 18Desprezou o xuramento, quebrantando o pacto. Pois xa que deu a súa man, pero fixo todas estas cousas: non se librará.
19Por iso, así fala o meu Señor, Iavé:
Xuro pola miña vida
que o xuramento que desprezou,
e o pacto que quebrantou,
volvereillos de certo sobre a súa cabeza.
20Botarei sobre el a miña rede,
e cazareino na miña trampa;
conducireino a Babilonia
para preitear con el no xuízo
da deslealdade
que contra min cometeu.
21A todos os fuxitivos
dos seus exércitos decapitaranos,
e os fuxitivos dispersaranse
aos catro ventos:
así saberedes que eu, o Señor,
fun quen falou.
22Así fala o meu Señor, Iavé:
Eu collerei das pólas do cedro
a máis alta e fixareina;
dos gallos máis novos arrincarei
un abrocho,
e plantareino nun monte alto e elevado:
23no monte elevado de Israel plantareino;
botará gromos e dará froitos
e volverase un cedro magnífico;
aniñarán debaixo del todos os paxariños,
todas as aves aniñarán
á sombra das súas ramas.
24Entón todas as árbores do monte
caerán na conta de que eu, o Señor,
derreo a árbore ergueita
e levanto a árbore derreada;
seco a árbore verde
e fago florecer a árbore seca.
Eu, o Señor, díxeno e fareino.

### O Deus xusto e a retribución individual

**18** 1Veume a palabra do Señor nestes termos: 2–Que vos pasa a vós, que andades repetindo este dito na terra de Israel: "Os pais comeron as uvas verdes e os fillos sofren a denteira"?

3Pola miña vida –é o meu Señor, Iavé quen fala– xuro que vós non volveredes repetir este dito en Israel. 4Pois, de certo, todas as vidas son miñas; o mesmo ca a vida do pai, tamén a vida do fillo é miña; a persoa que peque, esa é a que morrerá. 5Se un home é xusto, e practica o dereito e mais a xustiza: 6non come banquetes sacros nas montañas nin levanta os seus ollos cara aos ídolos da casa de Israel; non profana a muller do seu próximo, nin se achega á muller menstruante; 7se o tal non explota a ninguén, devolve a fianza da súa débeda, non comete roubo,

**17**, 17 *Non se fará ver*: lit. "non fará ver o seu sinal".
**17**, 18 O profeta non insiste aquí na falta de confianza do rei Sedecías en Iavé (ao contrario do que fai Ez **16**), senón na infidelidade ao xuramento feito ao rei de Babilonia (cf vv. 13-19).
**17**, 23 Nótese o universalismo salvífico do momento da restauración mesiánica, e o recoñecemento de Iavé por parte de todos os reis (= as árbores do v. 24).
**18** O texto comeza propoñendo o problema teolóxico tradicional da retribución colectiva (v. 2), máis especialmente sentido por mor dos rapaces que foron deportados e polos nados no desterro, cargando así con culpas alleas (cf vv. 25-29). O profeta, seguindo a Xer **31**,30, afirma enfaticamente o principio de retribución individual (v. 4 d), que vai explicitar nunha serie de catro formulacións de leis hipotéticas no estilo do código da santidade (Lev **10**, 20; **22**, 21 ; **24**, 17. 19 .. . ) e do Código Sacerdotal (Lev **2**, 1; **4**, 2; **5**, 21), nas que ao final se dá o fallo do caso. Nas dúas primeiras formulacións (vv. 5-9. l0-20), déixase sentir o estilo iterativo da catequese moral do sacerdote, mentres que nas dúas últimas fálase da conversión, do cambio para o ben (vv. 21-23) ou para o mal (v. 24), preparando deste xeito a síntese final, que en dúas seccións (vv. 25-28. 29-32) responde ao reproche do proceder inxusto de Deus, castigando os fillos polos pecados dos pais. Nestas dúas seccións finais, o profeta considera pecadores aos seus oíntes queixosos, e chámaos á conversión para poderen vivir felices, pois Deus non quere a morte deles.
**18**, 4-5 *A persoa que peque*: aínda que o verbo hebreo empregado ten o sentido etimolóxico de fallar o tiro ao branco, aquí ten o sentido de transgredir a vontade de Deus, tal como o deixan ver os termos "xusto" "xustiza" e "dereito".
**18**, 6 *Nas montañas* persistía un culto sincretista, no que se mesturaba o culto a Iavé con formas do culto naturalista á fecundidade e fertilidade, de orixe cananea e babilónica, neste momento en auxe. *Levantar os ollos* é unha expresión de esperanza cobizosa. Estaba prohibido achegarse á muller menstruante (cf Lev **15**, 24; **18**, 19; **20**, 18), por mor do contacto co sangue, que se consideraba execrante, fóra do rito sacrificial.

dálle o seu pan ao famento e cobre ao espido con vestidos; [8]se non presta con usura nin cobra os réditos; se aparta a súa man da iniquidade, e xulga conforme o dereito e a verdade entre home e home; [9]se camiña conforme os meus preceptos e garda os meus mandamentos, practicando a verdade e a xustiza: este certamente vivirá –é o meu Señor, Iavé, quen fala–.

[10]Pero se un xera un fillo asasino, ou se o familiar comete algunha destas cousas [11]aínda que el non faga ningunha: tal como comer banquetes sacros nas montañas e profanar a muller do seu próximo; [12]explotar o desgraciado e o pobre, roubar e non volver o peñor da fianza, erguer os seus ollos cara aos ídolos e cometer abominacións; [13]prestar con usura, cobrar réditos, acaso vivirá? Non vivirá: cometeu todas estas abominacións e morrerá sen remedio, o sangue dos seus crimes volverase contra el.

[14]Mais, velaí, un ten un fillo que ve os pecados que fai seu pai, veos pero non se comporta conforme a eles; [15]non come en banquetes sagrados nas montañas, non ergue os seus ollos cara os ídolos da casa de Israel; non profana a muller do seu próximo; [16]non explota, nin retén o peñor da fianza; non rouba, dálle o seu pan ao famento e viste ao espido; [17]aparta a súa man de provocar aflicións, non cobra réditos nin usura; cumpre os meus mandamentos e camiña polos meus preceptos: este non morrerá polos pecados de seu pai: ben certo que vivirá. [18]Seu pai, xa que oprimiu e roubou ao irmán e xa que non fixo no medio do seu pobo o que está ben, morrerá de certo pola súa iniquidade.

[19]Pero vós dicides: "por que non carga o fillo coa iniquidade do pai?". Porque se o fillo observou o dereito e a xustiza, e se gardou todos os meus preceptos e se os puxo en práctica, vivirá certamente. [20]O que peque será quen morrerá: o fillo non cargará coa iniquidade do pai, o pai non cargará coa iniquidade do fillo; sobre o xusto reverterá a súa xustiza, sobre o malvado reverterá a súa ruindade.

[21]Se o malvado se converte de todos os pecados que cometeu, e garda todos os meus preceptos e practica o dereito e a xustiza, vivirá de certo, non morrerá. [22]Todas as maldades que cometeu non se lle terán en conta; por mor da xustiza que practicou, vivirá. [23]É acaso verdade que sinto eu pracer coa morte do malvado –é o meu Señor, Iavé, quen fala– e non en que se converta do seu camiño e que viva?

[24]Cando o xusto se aparta da xustiza e comete a maldade, e se comporta e vive segundo todas as abominacións que comete o malvado, todas as obras boas que fixo non se terán en conta: polas infidelidades que cometeu e polos pecados que fixo, por eles morrerá.

[25]E vós respondedes: "Non é xusto o proceder do Señor". Escoitade, casa de Israel: Non é xusto o meu xeito de comportarme? Non é máis ben o xeito de vos comportardes vosoutros o que é inxusto? [26]Cando o xusto se aparta das súas obras de xustiza e comete iniquidades e morre debido a elas, morre debido ás iniquidades que el cometeu. [27]Cando o malvado se aparta da maldade que cometeu e practica o dereito e a xustiza, entón el consegue a vida. [28]Se cae na conta e se aparta da maldade que cometeu, vivirá de certo, non morrerá.

[29]E responde a casa de Israel: "Non é xusto o xeito de se comportar o Señor". Non é xusto o meu comportamento, casa de Israel? Non é mais ben o voso comportamento o que é inxusto? [30]Por isto, xulgareivos a cada un de vós conforme o propio proceder, casa de Israel –é o meu Señor, Iavé, quen fala–. Convertédevos e apartádevos das vosas ruindades, e non teredes o tropezo para caer na iniquidade. [31]Quitade de diante de vós as vosas maldades coas que pecastes, facédevos un corazón novo e un espírito novo. Por que

**18**, 8 O empréstito con interese estaba prohibido entre os membros do pobo de Deus (Ex **22**, 24; Lev **25**, 36-37; Dt **23**, 20).

**18**, 9 *Verdade* (heb. "*émet*") é a resposta fiel á bondade de Deus, mostrada no cumprimento da alianza. *Vivirá:* é moito máis ca seguir con vida: é "vivir feliz", do mesmo xeito que "morrer" non supón necesariamente a morte física, senón que indica ás veces unha existencia amargada e tristeira.

**18**, 17 Estas *afliccións* son as dos réditos do empréstito e as da usura.

**18**, 18 A retribución individual non leva a unha desaparición da comunidade, senón a unha máis forte integración no pobo.

*Irmán* ten senso de parente ou membro da mesma tribo ou do mesmo pobo.

**18**, 21-23 A conversión dos pecados é fonte de felicidade para a persoa pecadora. Isto é xustamente o que lle agrada a Deus.

**18**, 24 Todos os merecementos da persoa que se aparta da xustiza, desaparecen ante Deus, de xeito que esa persoa queda abocada á morte (= amargura, castigo). Pero Deus chámaa á conversión (cf vv. seguintes).

**18**, 26 *Iniquidades*: traduce un vocábulo hebreo colectivo.

**18**, 31 A conversión non é algo negativo, senón que leva consigo uns plans e proxectos e unha enerxía de calidade superior aos que un tiña (cf nota a **11**, 19).

queredes morrer, casa de Israel? [32]Non sinto
eu pracer pola morte do que morre –é o meu
Señor, Iavé quen fala–: Convertédevos e vi-
viredes!

### Elexía polos reis de Xudá

**19** [1]Ti entoa unha elexía
polos príncipes de Israel.
[2]Dilles:
Que leoa foi túa nai
no medio de leóns!
Deitada no medio dos leóns,
criaba a súa camada.
[3]Criou un dos seus cachorros,
que se volveu un leonciño,
aprendeu a esnaquizar a presa,
devorou homes.
[4]Souberon del as nacións:
cazárono nas súas foxas
e levárono con ganchos
ao país de Exipto.
[5]Ela, ao ver que a súa esperanza
e a súa ilusión estaban perdidas,
colleu outro dos seus cachorros
e constituíno nun leonciño.
[6]El daba voltas entre os leóns,
feito un león novo;
[7]aprendía a esnaquizar a presa,
devoraba homes;
abusaba das súas viúvas
e desolaba as súas vilas;
o país e os seus habitantes
estaban amedrentados
polo ruído dos seus ruxidos.
[8]Pero os países de toda a volta
viñeron contra el,
desde as provincias estenderon
sobre el as súas redes
e atrapárono nas súas foxas.
[9]Metéronо con ganchos na gaiola
para o levaren
xunto ao rei de Babilonia;
levárono a Babilonia,
para que non se volva oír a súa voz
nos montes de Israel.
[10]Túa nai era semellante
a unha vide da túa caste
plantada xunto á auga:
daba froito e estaba chea de ramas
por mor da abundante auga.
[11]Daba bacelos de tal poder
que servían para cetros de reis;
a súa altura sobresae
por entre as nubes;
é impoñente pola súa altura
e pola multitude das súas ramas.
[12]Foi arrincada con carraxe
e foi tirada por terra,
o vento do nacente
secou o seu froito,
que se desprendeu;
e secou as súas ramas poderosas
e o lume consumiunas.
[13]E agora está plantada no deserto,
en terra reseca e sedenta.
[14]Saíu lume dunha das ramas
e consumiu os bacelos e os seus froitos.
Xa non hai nela ramas poderosas,
báculos para reinar.
Esta é unha elexía
e cántase coma unha elexía.

### Historia das infidelidades de Israel

**20** [1]No ano sétimo, o dez do mes quinto,
viñeron algúns dos anciáns de Israel
consultar o Señor e sentaron diante de min.

**19**, 1-14 Este c. é unha elexía (qínah) (cf 1. 14c), caracterizada literariamente polo número desigual de acentos das dúas partes do verso (3 + 2; 4 + 3), nas dúas seccións (vv. 2-9. 10-14) en que se canta. Na primeira, os vv. 2-4 describen as extorsións económicas e a sorte desastrosa do rei Ioacaz, deportado no ano 609 a Exipto, onde morreu (cf 2 Re **23**, 33). Segue (vv. 5-9) coas extorsións do rei Ioaquim (609-598) para pagar os tributos a Exipto e logo a Babilonia, e co problema da deportación do seu fillo Ioaquín a Babilonia. Na segunda sección (vv. 10-14) xa non se fala do "león" ( = o rei), pois a Sedecías non o consideran rei os deportados, pois vive aínda seu sobriño, o rei Ioaquín. Cántase a situación de extrema miseria, coa imaxe da vide arrincada e plantada no deserto, facendo referencia aos deportados. O texto pode ser do reinado de Sedecías ou posterior a 587.
**19**, 2 *Leoa - nai*: alude a Xerusalén, cidade de reis, pois creceron á calor dela.
**19**, 40 rei é Ioacaz, cf nota aos vv. **19**, 1-14.
**19**, 7 *Abusaba das viúvas*: aquí traducímos o verbo "coñecer" co senso de unión sexual.
**19**, 9 Aínda que gramaticalmente o metido na gaiola é o leonciño do v. 5 (Ioaquim), quen seguiu conservando en Babilonia o título de rei de Xudá, foi o seu fillo Ioaquín.
**19**, 10 A imaxe da vide (viña, cepa) para significar o pobo é tradicional na Biblia (cf Sal **80**, 9s; Is **5**, 1-7; **27**, 2-5; Xer **2**, 21 ; **12**, 10; Os **10**, 1). *A auga* é sinal da bendición divina, que inclúe a categoría rexia para o tal pobo. *Da túa caste*: lit. "do teu sangue" (= vida, raza, caste): cf Xén **49**, 11; Dt **32**,14).
**19**, 12-14 O contraste coa bendición divina exprésase coas imaxes do desarraigo e do abandono (v. 12), co ser plantada no deserto, e co incendio que queima as ramas e os froitos, anque non a cepa, que non chega a morrer.
**20**, 1-44 O texto comeza coa datación, que corresponde ao 12 de agosto do ano 591, e coas circunstancias da vida do profeta no desterro (v. 1). Os vv. 2-4 conteñen unha revelación ao profeta na que considera a idolatría dos deportados como continuación da dos seus devanceiros. Deste xeito, este oráculo de xuízo de castigo serve de introdución á análise do enraizamento da idolatría na historia da salvación, presentado como un oráculo (vv. 5-29). Esta sección está dividida en catro unidades (5-8; 9-13; 14-21; 22-29), marcadas polo contraste entre a de-

[2]Veume entón a palabra do Señor nestes
termos: [3]–Fillo de Adán, fálalles aos anciáns
de Israel e dilles: Así fala o meu Señor, Iavé:
Seica vindes consultarme a min? Xúroo pola
miña vida que non deixarei que me consulte-
des –é o meu Señor, Iavé, quen fala–. [4]Non
os vas xulgar ti?: non os vas xulgar, fillo de
Adán? Móstralles as abominacións de seus
pais. [5]Has de lles dicir: Así fala o meu Se-
ñor, Iavé: O día no que eu escollín a Israel,
xureille coa miña man erguida á liñaxe da
casa de Xacob; cando me dei a coñecer a
eles, xureilles coa man levantada: "Eu son o
Señor, o voso Deus". [6]No día aquel xureilles
coa man erguida, que os sacaría do país de
Exipto, para a terra onde eu me aparecera a
eles, terra que deita leite e mel, terra que é a
máis gloriosa de todas as terras. [7]Tamén lles
dixen: "Cada un de vós botade fóra as abo-
minacións que vos levan os ollos, e non vos
lixedes cos ídolos de Exipto. Eu son o Señor,
o voso Deus". [8]Pero eles rebeláronse contra
min, e non me quixeron facer caso. Ninguén
deles botou fóra as abominacións que lles
levan os ollos, nin abandonou os ídolos de
Exipto. Entón véuseme ao pensamento verter
contra eles o meu anoxo, e desafogar contra
eles a miña ira en pleno país de Exipto. [9]Pero
obrei de acordo co meu nome, de xeito que
non fose profanado á vista dos pobos no me-
dio dos que vivían, e na presenza dos cales
me dera a coñecer a eles, sacándoos do país
de Exipto.

[10]Saqueinos da terra de Exipto e leveinos
ao deserto. [11]Deilles os meus preceptos e
fíxenlles coñecer as miñas leis, que dan vida
ao home que as cumpre.[12]E tamén lles dei os
meus sábados para que sirvan de sinal entre
min e eles, para que se saiba que eu son o Se-
ñor que os consagra. [13]Pero rebelouse contra
min a casa de Israel no deserto: non seguiron
os meus preceptos, senón que rexeitaron os
meus mandamentos, que dan vida ao home
que os cumpre, e profanaron os meus sábados
desde antigo. Vinme tentado de verter contra
eles o meu furor para os exterminar. [14]Pero
obrei por mor do meu Nome, para que non
fose profanado á vista dos pobos, á presenza
dos cales os saquei. [15]E volvín xurarlles no
deserto, coa man levantada, que non os le-
varía á terra que lles dera, que deita leite e
mais mel, e que é a máis gloriosa de todas as
terras; [16]por rexeitaren as miñas leis e por non
se comportaren conforme aos meus precep-
tos, e por profanaren os meus sábados, pois
íaselles o corazón tras os seus ídolos. [17]Mais
o meu ollo tivo compaixón de facerlles mal,
e así non os exterminei no deserto.

[18]Aos seus fillos díxenlles no deserto: "Non
sigades os preceptos de vosos pais nin gar-
dedes as súas leis, nin vos contaminedes cos
seus ídolos. [19]Eu son o Señor, o voso Deus:
seguide os meus preceptos, gardade as mi-
ñas leis e cumprídeas, [20]santificade os meus
sábados: que sirvan de sinal entre min e vós,
para que se saiba que eu son o Señor, o voso
Deus". [21]Pero os fillos rebeláronse contra min:
non seguiron os meus preceptos, nin gardaron
as miñas leis, nin as cumpriron, pois o home
que as cumpre ten a vida por elas, e profa-
naron os meus sábados. Entón véuseme ao
pensamento verter contra eles a miña carraxe,
e desafogar a miña ira contra eles no deserto.
[22]Pero retirei a miña decisión de forza e en-

cepción divina e o seu obrar de acordo co seu Nome, que se repite con fórmulas case fixas (vv 8. 9. 13. 14. 21. 22). Estas unidades teñen o mesmo esquema, composto destes elementos: 1) Os diferentes artigos do credo hebreo: elección e liberación de Exipto, promesa da terra, don da terra. 2) Orde divina de deixar a idolatría. 3) Rebeldía e non seguimento (desobediencia) do Señor. 4) Decepción divina. Soamente na cuarta unidade (vv. 22-29) cambia esta orde, para insistir na ameaza de dispersalos entre os pobos, por rexeitar o precepto do Señor. O texto acaba con dous oráculos salvíficos. No primeiro (vv. 30-38) recóllese o contraste entre a infidelidade do pobo (vv. 30-32) e a nova acción salvífica (vv. 33-38), aínda que a acción salvífica aquí é purificatoria, e de revivencia espiritual das experiencias do deserto. No segundo (vv. 39-44) suponse a perda dunha parte do pobo coa idolatría, pero anúnciase o restablecemento dos dons do culto, na terra, para os que sexan fieis ao Señor.

**20**, 3 Os *anciáns de Israel* son as autoridades relixiosopolíticas do desterro. Sobre o obxecto da consulta, cf nota aos vv. 31-32. Un texto semellante témolo en **14**, 1-4.

**20**, 4 As interrogacións realzan a imperiosa obriga do profeta, e teñen senso afirmativo.

**20**, 5 *Xurar coa man levantada*: é expresión dunha promesa na que Iavé empeña todo o seu poder, que se pon en acción; a promesa é a de concluír co pobo a alianza, segundo o expresa a fórmula "o voso Deus".

**20**, 6 *Onde eu me aparecera*: alusión ás teofanías aos patriarcas. Os calificativos da terra reflicten a súa condición de don de Deus.

**20**, 7 *Abominacións que vos levan os ollos*: lit. "abominación dos vosos ollos": a cobiza.

**20**, 9 Entre a ira punitiva divina e o Nome (a manifestación do seu poder salvífico), prevalece o plan salvífico.

**20**, 12 A lei do descanso sabático é sinal da pertenza do pobo a Deus. Este non precisa traballar sempre, pois o Deus todopoderoso coida del en virtude da consagración a El (cf v 20). .

**20**, 16 O *corazón* non é aquí a raíz dos sentimentos e afectos, senón dos plans e proxectos. Os israelitas coidaban que lles eran mellores os ídolos.

**20**, 17 O *meu ollo,* como fonte da compaixón e das bágoas.

**20**, 19 *Eu ... voso Deus*: fórmula da alianza, pois as leis e preceptos son estipulacións da alianza.

tón decidín obrar de acordo co meu Nome,
de xeito que non fose profanado á vista dos
pobos, á presenza dos cales eu os fixera saír.
[23]Volvín xurar coa man levantada contra eles
no deserto que os dispersaría entre os pobos e
que os esparexería entre os países, [24]por non
cumpriren as miñas leis e por rexeitaren os
meus preceptos, por profanaren os meus sá-
bados, e por írenselles os seus ollos tras os
ídolos de seus pais. [25]Por iso non fun tamén
eu quen lles dei preceptos que non son bos, e
leis que non os fan vivir? [26]Non fixen eu que
se contaminasen coas súas ofrendas, ao face-
ren pasar polo lume a todos os primoxénitos,
para volvelos unha desolación e para que así
recoñezan que eu son o Señor?

[27]Por isto, fillo de Adán, fálalle á casa de Is-
rael e dille: Así fala o meu Señor, Iavé: Aínda
así me inxuriaron vosos pais, coa súa infide-
lidade, coa que me traizoaron. [28]Eu tróuxenos
ao país que, coa miña man levantada, xurara
llelo dar a eles; mais eles, ao veren calquera
outeiro elevado ou calquera árbore enrama-
llada, ofreceron alí os seus sacrificios, deron
alí as súas ofrendas provocadoras, puxeron
alí os perfumes que, segundo eles, aplacan, e
verteron alí as súas libacións. [29]Eu díxenlles:
"Que é ese outeiro onde ides?". E quedoulle
de nome o "outeiro" ata o día de hoxe. [30]Por
isto dille á casa de Israel: Así fala o meu Se-
ñor, Iavé: Non é verdade que vós vos lixa-
des segundo o vieiro dos vosos pais, e que
vos ides prostituír cos seus mesmos ídolos?
[31]Cando vós levantades as vosas ofrendas,
cando facedes pasar os vosos fillos polo
lume, estádesvos lixando con todos os vosos
ídolos ata hoxe, e voume deixar eu consultar
por vós, casa de Israel? Pola miña vida –é
o meu Señor, Iavé, quen fala–, que non me
deixarei consultar por vós.

[32]O que se vos vén á cabeza non sucederá
de ningún xeito, pois vós pensades: "Debe-
mos ser coma os demais pobos e razas dos
outros países, dando culto ao pau e mais á
pedra". [33]Pola miña vida –é o Señor, Iavé,
quen fala– xuro que con man forte, con brazo
estendido e con anoxo rebordado, hei reinar
sobre vós; [34]pois con man poderosa, con bra-
zo estendido e con anoxo rebordado, heivos
facer saír de entre os pobos, e heivos xuntar,
traéndovos dos países onde estades esparexi-
dos, [35]e heivos levar ao deserto dos pobos,
para preitear alí convosco cara a cara. [36]O
mesmo que preiteei cos vosos pais, no deser-
to do país de Exipto, así preitearei convosco,
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–, [37]fareivos
pasar por debaixo do cetro, e fareivos entrar
no compromiso da alianza; [38]separarei de en-
tre vós os que se rebelen e pequen contra min:
a estes fareinos saír do país do seu desterro,
pero non entrarán nas terras de Israel. Deste
xeito recoñeceredes que eu son o Señor.

[39]Decatádevos, casa de Israel! Así fala o
meu Señor, Iavé: Uns ide, e adorade os vosos
ídolos; e os demais, que ninguén de entre vós
deixe de me facer caso, e non volvades profa-
nar o meu santo Nome coas vosas ofrendas e
cos vosos ídolos. [40]Que no meu monte santo,
no alto monte de Israel –é o meu Señor, Iavé
quen fala– que alí me adore toda a casa de
Israel, toda ela no país. Alí me sentirei com-
pracido deles, alí pedirei os vosos tributos,
as vosas ofrendas, e todo o que vós consa-
gredes. [41]Coma do perfume que aplaca, sen-
tireime compracido de vós, cando vos faga
saír de entre os pobos e vos xunte traéndovos
dos países onde estades esparexidos: entón
mostrarei por medio voso a miña santidade á
vista dos pagáns. [42]E vós recoñeceredes que
eu son Iavé, cando vos faga entrar na terra de
Israel, no país que, coa man levantada, lles
xurara dar a vosos pais. [43]Unha vez alí, lem-
brádevos do voso comportamento e de todas
as obras coas que vos lixastes, e sentiredes
noxo de vós mesmos por todas as maldades
que cometestes. [44]Entón recoñeceredes que
eu son Iavé, cando me comporte convos-
co conforme o meu Nome, non segundo o

**20**, 25-26 As frases interrogativas son irónicas e fortemente enfatizantes.

**20**, 28 Referencia aos cultos sincretistas nos santuarios cananeos, que, como cultos dunha relixión naturalista, se realizaban nas copas das árbores.

**20**, 29 *Outeiro* (heb. *bamah*), sen referencia a ningún lugar concreto, pois deses *bamot* había moitos.

**20**, 31-32 A referencia á consulta do v. 1 clarifica os contidos da consulta, e trátase dos plans do pobo do desterro de dar culto a Iavé representado en imaxes, tal como facían os babilonios e os pobos alí deportados. As tentacións do emprego de imaxes vese agrandada polo feito de que lles faltan as formas tradicionais do culto no santuario (festas, sacrificios e rituais). Por outra banda, a apostasía debeu ser forte, pois o profeta recoñece que o destino dalgúns son os ídolos (v. 39). Unhas simples liturxias da palabra non podían encher o sentido relixioso e festivo do pobo.

**20**, 33 *Reinar* ten aquí o senso de protexer e auxiliar, como consecuencia da alianza (cf v. 37).

**20**, 35 O *deserto dos pobos* é unha categoría teolóxica de lugar da revisión e restablecemento da alianza. Por iso a xuntanza dos desterrados (v. 34) non acaba nas terras de Israel (v. 38), senón no deserto da conversión ao Señor.

**20**, 39 O v. 39 opón "uns" a "os demais". Estes son o "resto" de Israel, purificado pola proba do desterro.

**20**, 41 *A santidade* de Deus é a transcendencia ou superioridade sobre as forzas cósmicas e sobre os espíritos.

voso mal comportamento e segundo as vosas obras perversas, casa de Israel, –é o meu Señor, Iavé, quen fala.

### Catro oráculos de castigo con lamentación simbólica sobre Xerusalén e Xudá

**21** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, pon a túa cara mirando para o sur, e profetízalle ao mediodía, profírelle oráculos ao bosque do campo do Négueb. [3]Dille: Bosque de Négueb, escoita a palabra do Señor! Así fala o meu Señor, Iavé: Atende, vouche prender lume, que devorará todas as túas árbores verdes e todas as túas árbores secas. A ardente chama non se apagará, senón que con ela se queimarán todas as terras, desde o Négueb ata o norte. [4]E todo mortal verá que son eu, o Señor, quen o prendín e non se apagará.

[5]Entón eu respondín: –Ai, meu Señor Iavé! Eles están dicindo de min: "Non é el o que conta contos?"

[6]Entón veume a palabra do Señor nestes termos: [7]–Fillo de Adán, pon a túa cara mirando a Xerusalén, e profetiza contra o santuario, e profire oráculos contra a terra de Israel, [8]e di: Terra de Israel, así fala o Señor: Vede, estou contra ti, e saco a miña espada da súa vaíña, para exterminar de ti xustos e pecadores. [9]Porque teño que exterminar de ti xustos e pecadores, por isto sae a miña espada da súa vaíña contra todo mortal desde o Négueb, ata o norte. [10]Deste xeito recoñecerá todo mortal que eu, o Señor, saquei a miña espada da súa vaíña, e que non volverá a ela.

[11]E ti, fillo de Adán, fai lamentacións dobrando a cintura, e con amarguras fai lamentacións na súa presenza. [12]Cando eles che pregunten: "Por que fas ti lamentacións?"; ti has de lles responder: "Por causa dunha noticia que chega sen remedio, e entón todo corazón fraqueará, todos os brazos se debilitarán, todo espírito desfalecerá e todos os xeonllos se desfarán en auga. Velaquí chega e xa se fai realidade". –É o meu Señor, Iavé, quen fala.

[13]Tamén me veu a palabra do Señor
nestes termos:
[14]–Fillo de Adán, profetiza e di:
Así fala o Señor:
Unha espada, unha espada afiada
e para máis brunida!
[15]Afiada para executar a gran matanza,
brunida para que escintile.
Ai! Levantan un cetro
contra o meu fillo,
un cetro que rexeita
a todas as árbores!
[16]Entregan a espada a brunir
para despois a apreixaren coa man;
xa está a espada afiada,
xa está brunida,
para a poñer na man do matador.
[17]Berra e desfaite en gritos,
fillo de Adán,
que xa está contra o meu pobo,
xa está contra todos
os príncipes de Israel;
os horrores da poderosa espada
están co meu pobo,
por isto date golpes nas nádegas.
[18]Que proba!
Pero que non sería aínda,
se eu non rexeitase o cetro?
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
[19]E ti, fillo de Adán,
profetiza e bate puño con puño:
Que se duplique a espada,
que se triplique:
é a espada dos atravesados,

**21**, 1-22 Esta sección está constituída por catro oráculos de castigo (vv. 1-5; 6-11; 13-16; 17-22), introducidos os tres primeiros con palabras moi semellantes, mentres que o cuarto ten unha longa introdución (vv. 17-19a), que fai referencia á sección central (vv. 11-12).

**21**, 2-4 O destinatario é simbólico, pois non é probable que no Négueb houbese bosque, por ser un deserto. Sen embargo, por ser o S da Terra Santa, que na orientación dos puntos cardinais corresponde á man dereita e de bendición, ten que referirse a Xerusalén. De feito, o incendio do bosque, a desfeita de Nabucodonosor no 587, afecta a tódalas terras.

**21**, 5 É o único oráculo de castigo que presenta a incredulidade dos oíntes ante as palabras proféticas.

**21**, 6-10 Este oráculo ten como obxecto a espada de Iavé, que non é senón a do instrumento de castigo, a dos caldeos. A expresión "xustos e pecadores" non está contra a doutrina da retribución individual de Ez **18**, senón que é un merismo no que os extremos indican a grande masa, a totalidade, sen xulgar a súa xustiza.

**21**, 12 A lamentación sen causa ameazante para os deportados é bo sinal profético, que esixe a súa pregunta. O *corazón* é a raíz dos plans e proxectos de liberación do perigo; *os brazos*, da forza e poder militar; *o espírito*, da ilusión e entusiasmo guerreiro; e *os xeonllos*, da forza para manterse firmes na resistencia. A *auga* é aquí expresión de debilidade.

**21**, 13-16 Non se trata da espada de Iavé, senón da dos invasores. A espada está relacionada co cetro: o rei Nabucodonosor, que arrasa o país, coa espada na man.

**21**, 15 *Levantan*: as árbores designan aquí as familias, os homes.

**21**, 17-19a Desenvolvemento da acción simbólica: un feito angustioso vaise abater contra o pobo.

**21**, 19 *Puño con puño*: Son as puñadas que o profeta se dá a si mesmo nas nádegas (cf v. 17) ou no peito, ritual de lamentación.

a espada do gran traspaso,
a que os ten acurralados;
20para que lles desmaie o corazón
e se multipliquen os caídos;
contra todas as súas portas
puxen a ameaza da espada,
feita irmá do lóstrego,
disparada para a matanza.
21Rebélate, espada, á dereita,
ponte cara á esquerda,
a onde os teus dous fíos se volven.
22Tamén eu baterei puño con puño
e desafogarei a miña ira.
–Eu, o Señor, fun quen falei.

**Xesto simbólico de castigo, na marcha de Nabucodonosor contra Xerusalén**

23Veume a palabra do Señor nestes termos:
24–Oe ti, fillo de Adán, traza ti mesmo dous vieiros para que vaia a espada do rei de Babilonia; os dous sairán da mesma metrópole. Marca un sinal no comezo do camiño da cidade, márcaa. 25Indica un vieiro para que entre a espada en Rabah dos amonitas e en Xudá, na inaccesible Xerusalén. 26Velaquí o rei de Babilonia, que se para na encrucillada, no comezo dos dous camiños para consultar as sortes: baralla as frechas, consulta os deuses familiares, observa o fígado. 27Xa ten na súa man dereita a sorte: A Xerusalén! A emprazar arietes, a prorromper en alaridos, a lanzar gritos de guerra, a emprazar arietes fronte ás portas, a encher ramplas, a construír torres de asalto! 28Isto resultaralles a eles como un vaticinar en balde aos seus propios ollos, fartos dos seus propios xuramentos de fidelidade; pero el lembrarase da inicua infidelidade para a castigar.

29Velaquí, así fala o meu Señor, Iavé:
Para que vos lembredes
das vosas iniquidades
ao descubrírense as vosas rebelións,
ao vérense os vosos pecados
en todos os vosos feitos,
para que os lembredes,
habedes ser apreixados con man forte.
30Oe ti, malfeitor infame,
príncipe de Israel,
a quen lle chega o seu día
no intre da iniquidade final,
31así fala o meu Señor, Iavé:
Saca o turbante, quita a coroa!
As cousas xa non son como eran:
o baixo é alto, e o alto é baixo;
32Ruína, ruína! Unha ruína hei facer.
Pero isto non sucederá
ata que chegue aquel
que ten o poder de xulgar,
que eu lle darei.

33–Oe ti, fillo de Adán, anuncia este oráculo:

**Ameaza contra os amonitas.**

Así fala o meu Señor, Iavé, contra os amonitas e contra a súa violación do xuramento, dilles: Unha espada, espada desenvaiñada para a matanza! Espada afiada para collela e lanzar lóstregos! 34Cando acerca de ti hai xa quen ten visións vas, cando acerca de ti hai quen adiviña mentiras, póñente sobre os pescozos de infames malfeitores, aos que lles chega o día, a fin, na hora da iniquidade. 35Retira o poder do seu gume do lugar onde fuches creada, da terra da túa orixe, onde te vou xulgar: 36Verterei en ti o meu anoxo, soprarei o incendio do meu furor contra ti, e entregareite ao poder de xentes salvaxes, artífices de destrución.

37Ti volveraste unha rima de leña para o lume, o teu sangue caerá no medio do país. Nunca máis serás lembrada, porque eu, o Señor, son quen falei.

**21**, 22 *Puño con puño.* Agora é Deus quen, en forte antropomorfismo, desboca a súa ira, dando puñadas ao seu pobo infiel.
**21**, 23-32 O texto contén un xesto simbólico, ao que se xunta unha visión profética do futuro (vv. 24-27), acabando coa reacción de desprezo do pobo de Xerusalén. O xesto simbólico acaba con dous oráculos de castigo das infidelidades do pobo aos xuramentos (v. 29) e outro dirixido a Sedecías, a quen só se considera príncipe, e non rei (vv. 30-32).
**21**, 25 O profeta, residente en Babilonia, coñecía a campaña. A incógnita do seu destino, que lle resulta aclarada na visión profética.
**21**, 26 *Baralla ... o fígado*: métodos de adiviñación moi estimados na corte caldea e empregados en todo o Medio Oriente.
**21**, 31 *As cousas .. . eran* (lit. "isto xa non é isto"). O proverbio refírese á actitude de Sedecías, que antes desprezaban os babilonios. Agora as cousas cambiaron.
**21**, 33-37 Exhortación ameazante dirixida aos amonitas, que se estaban deixando arrastrar á rebeldía contra os xuramentos de fidelidade a Babilonia. O v. 33c-d é unha presentación de Babilonia baixo o símbolo ameazador da espada. O v. 34 refírese a Amón, simbolizado por unha imaxe dunha muller casada a quen seducen os adiviños mentireiros, arrastrándoa a unha política suicida. O v. 35 é unha exhortación a retirar de si a ameaza babilónica (a espada: v. 33c-d) reforzada por ameazas do xuízo divino, que se concreta nos vv. 36-37.
**21**, 33 *Violación do xuramento.* O profeta é aquí o vixiante da fidelidade dos pagáns ao xuramento.
**21**, 34 *Póñente sobre os* (lit. "póñente nos"). A imaxe alude aos homes que arrastran a aludida muller polo pescozo.
**21**, 37 *Teu... país.* O artigo ten aquí valor demostrativo, que soamente se reflicte polo posesivo galego. A ameaza divina, o seu falar, ten a forza desencadeante dun proceso histórico destrutor, se non se lle fai caso.

### O castigo de Deus, chamada á conversión

**22** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Oe ti, fillo de Adán, acaso non vas condenar, si, condenar, a cidade sanguinaria, e facerlle ver todas as súas abominacións?

[3]Dille: Así fala o meu Señor, Iavé: Á cidade que verte sangue en medio de si chegaralle de certo o seu momento: e a que erixe ídolos diante de si volverase de certo impura. [4]Co sangue que ti vertiches volvícheste culpable, e cos ídolos que ti fixeches volvícheste impura, e deste xeito adiantaches a túa hora, e chegaches á fin dos teus anos: por isto convértote en escarnio para os pobos, e en burla para todos os países. [5]Países veciños e países remotos burlaranse de ti, famosa pola túa impureza, grande na consternación. [6]Fíxate: os príncipes de Israel están dentro de ti para verteren sangue, cada un canto lle dá o seu brazo. [7]Dentro de ti trátase con desprezo a pai e nai, dentro de ti trátase con violencia ao emigrante, dentro de ti son oprimidos o orfo e a viúva. [8]Ti desprezas as miñas santas institucións, e profanas os meus sábados. [9]En ti hai xente que calumnia a fin de que se verta sangue; en ti cómese en banquetes sacros na cima dos montes, e dentro de ti fanse cousas infames. [10]En ti hai quen destapa a nudez que pertence ao pai, en ti abusan da muller na impureza da regra. [11]En ti uns cometen abominacións coa muller do irmán, outros manchan con impureza a propia nora, e outros abusan da irmá, filla de seu pai. [12]En ti acéptanse regalos para verter sangue, ti cobras xuros de usura e enriquéceste violentamente á conta dos teus próximos; pero a min esquecéstesme –é o meu Señor, Iavé, quen fala–.

[13]Velaquí, vou bater en ti cos meus puños por todos os inxustos negocios que estás facendo, e polo sangue que se está vertendo en medio de ti. [14]Manterase firme o teu corazón? Seguirán fortes os teus brazos os días que eu proceda contra ti? Eu, o Señor, son quen o digo e quen o farei. [15]Hei de dispersarte entre as nacións, hei de esparexerte por entre os países, hei de levar ata o colmo a túa impureza por culpa túa, [16]e deste xeito ti recibirás de ti mesmo a herdanza á vista de todas as nacións. Entón recoñecerás que eu son o Señor.

### Deus purificará a Xerusalén coa súa ira

[17]Veume a palabra do Señor nestes termos: [18]–Fillo de Adán, a casa de Israel resulta escoura para min: todos eles son bronce e estaño, ferro e chumbo; no medio do forno resultan escoura de prata. [19]Por iso así fala o meu Señor, Iavé: Volvéstesvos todos escoura: por isto, vede, vouvos xuntar no medio de Xerusalén. [20]Xa xuntei a prata e o cobre, o bronce, o chumbo e o estaño: aticei neles o lume para fundilos; así vos xuntarei a vós, na miña ira e no meu anoxo: si, metereivos e fundireivos. [21]Heivos xuntar, e atizar contra vós o lume do meu furor, onde vos fundiredes. [22]O mesmo que se fai a fundición de prata no medio do forno, así habédesvos de fundir no medio do meu furor, e saberedes que eu, o Señor, son quen vertín a miña ira sobre vós.

**22**, 1-16 Este texto, anterior á caída de Xerusalén, é un oráculo de xuízo de castigo. Ten a forma dun discurso moralizante, pois está moi desenvolta a acusación -un repaso do código moral-, mentres que o anuncio de castigo ocupa en contraste parte do v. 3, o final do v. 4 e o comezo do v. 13. Os vv. 14-16 non son un anuncio de castigo, senón que desenvolven o tema do dinamismo salvífico do castigo divino, tal como o dá a ver a interrogación do v. 14 e o final do 16.
**22**, 2 *Cidade sanguinaria*: lit. "cidade do sangue vertido", título acusador de Xerusalén.
**22**, 4 As referencias en paralelo ao sangue vertido e á idolatría fan pensar nos sacrificios humanos aos ídolos.
**22**, 6 O verter o sangue ten aquí o sentido dos asasinatos dos opositores á política pro-exipcia do reinado de Sedecías.
**22**, 9 Nótese o paralelismo entre os banquetes sacros de culto idolátrico (no que estaba vixente a prostitución sagrada) e as cousas infames que serven de introdución aos pecados contra a orde sexual, dos vv. 10-11.
**22**, 10 *Nudez*: eufemismo.
**22**, 12 *Pero a min*: o non respectar os dereitos de xustiza dos próximos é faltarlle á fidelidade a Iavé (cf Dt **8**, 14; Is **17**, l0 ... ).
**22**, 13 *Puños:* cf nota a **21**, 19 e **21**, 22.
**22**, 15-16 A perda da terra e da liberdade é consecuencia teolóxica da infidelidade á alianza. Outro castigo de Deus é deixar á persoa egoísta a disposición dos seus instintos, dos que recibirá unha herdanza ben diferente da de Deus. Esta situación extrema será unha chamada á conversión.
**22**, 17-22 Este texto é un oráculo de xuízo de castigo ao que a imaxe tradicional do prateiro que refina a prata lle presta a linguaxe (cf **1**, 22. 25; Xer **6**, 28-30; Zac **13**, 19; Mal **3**, 2-3), ao mesmo tempo que marca a unidade literaria. O texto é anterior á caída de Xerusalén. O v. 18 é a acusación, que se resume no 19a; e os vv. 19b-22 son o anuncio de castigo.
**22**, 21 *O lume do meu noxo.* Esta imaxe, relacionada coa da fundición, serve para expresar o castigo divino.
**22**, 23-31 Este texto, aínda que a primeira vista pareza un oráculo de xuízo de castigo, hai que consideralo como unha xustificación da acción punitiva de Iavé contra Xerusalén. Os vv. 23-30 dan conta dos delitos cometidos polas institucións do pobo (profetas, sacerdotes, xefes e donos da terra). O v. 31 é a xustificación teolóxica do castigo da cidade.

### Interpretación teolóxica da caída de Xerusalén

[23]Veume a palabra do Señor nestes termos:
[24]–Fillo de Adán, dille a Xerusalén: Ti es terra non lavada, non tes chuvias fortes desde o día da ira. [25]No medio dela hai unha confabulación dos seus profetas; coma un león ruxidor que esnaquiza unha presa, devoran vidas, apodéranse de riquezas e obxectos de valor, e fan aumentar na cidade o número de viúvas. [26]Os seus sacerdotes violan a miña lei e profanan as miñas institucións santas, non distinguen o sacro do profano, non diferencian entre o impuro e o puro, pechan os seus ollos diante dos meus sábados, e deste xeito eu son profanado entre vós. [27]Os seus xefes están no medio dela coma lobos que esnaquizan a presa, vertendo sangue e acabando coa xente para se enriqueceren. [28]Os seus profetas caleáronos de branco, anunciándolles visións ilusorias, e profetizándolles mentiras, dicíndolles: "Así fala o meu Señor Iavé", cando o Señor non falara. [29]Os donos da terra practican a violencia e cometen roubos, oprimen o humilde e mais o pobre, e maltratan o emigrante coa inxustiza. [30]Eu busquei entre eles un que volva levantar a muralla, que se manteña na brecha diante de min, por mor do país, para que eu non o destrúa, e non o atopo. [31]Por iso vertín sobre eles a miña ira, destruínos co lume do meu furor, volvín sobre a súa cabeza o castigo do seu comportamento –é o meu Señor, Iavé, quen fala.

### Castigo de Samaria e Xerusalén pola súa infidelidade

**23** [1]Entón veume a palabra do Señor nestes termos:
[2]–Fillo de Adán, había dúas mulleres, fillas da mesma nai; [3]déronse á prostitución en Exipto: sendo mociñas xa se deron á prostitución. Alí apalpáronlles os seos, apertáronlles os seus peitos de virxes. [4]Velaí os seus nomes: Oholah, a maior; e Oholibah, súa irmá. Despois foron miñas e déronme a luz fillos e mais fillas. Velaí os seus nomes: Oholah chámase Samaria e Oholibah, Xerusalén.
[5]Oholah, en lugar de ser miña, deuse á prostitución e namorouse dos seus amantes, dos asirios: [6]guerreiros vestidos de púrpura, gobernadores e corrixidores: todos eles novos, bos mozos, xinetes montados en cabalos. [7]Os encantos da súa prostitución entregóullelos a eles, a toda a flor dos asirios, e lixouse con todos os que eran a súa paixón e con todos os seus ídolos volveuse impura. [8]Non retirou de Exipto as súas fornicacións, xa que se viñan deitando con ela desde a mocidade, e eles foron quen lle apalparon os seus peitos de virxe e quen puxeron nela os desexos de fornicación. [9]Por isto entregueina ao poder dos seus amantes, ao poder dos asirios de quen ela estaba namorada. [10]Eles destapáronlle as súas vergonzas, colléronlle os fillos e as fillas, e a ela matárona coa espada. Ela converteuse nun nome simbólico para as nacións, pois os asirios executaron a súa sentenza condenatoria.
[11]Viu isto a súa irmá Oholibah, e degradou o seu namoro máis ca ela, e degradou a súa fornicación máis ca a fornicación da irmá. [12]Namorouse dos asirios: gobernadores e corrixidores, guerreiros vestidos de luxo, xinetes montados en cabalos, todos eles novos, bos mozos. [13]Eu vin como se volvía impura: as dúas colleran o mesmo camiño. [14]Aumen-

**22**, 24 Na climatoloxía adversa móstrase a ira de Deus, ao ser El o Señor do cosmos.
**22**, 25 Os profetas oficiais do templo, confabulados coa política pro-exipcia (cf v. 28), declaran culpable a xente inocente, de ideas distintas ás deles.
**22**, 26 Os sacerdotes tiñan as funcións xudiciais do tribunal de apelación.
**22**, 28 Coa imaxe do caleado de branco, quérese expresar o apoio sacral da institución dos profetas á política dos xefes, como o confirma a polémica de Xer contra os falsos profetas.
**22**,29 Este v. supón un desequilibrio na propiedade da terra -fonte principal de riqueza-, e denuncia os abusos dos propietarios.
**23** Unidade literaria, composta por oráculos de xuízo de castigo contra Xerusalén, poñendo en paralelo o seu comportamento co de Samaría. Os oráculos dos vv. 1-30. 31-34. 35. 36-49, que presentan o tema central no v. 30, intentan de Xerusalén o recoñecemento da súa culpa e a volta a Iavé (v. 49).
**23**, 2 A muller como símbolo dun pobo era unha imaxe frecuente entre os semitas.
**23**, 3 O tema da prostitución designa a falta de fe en Deus, ata o punto de poñer a confianza nos ídolos e darlles culto. Respectamos a forte linguaxe sexual do profeta, por fidelidade ao texto sagrado.
**23**, 4 Os nomes, aínda que poderían ser reais, empréganse aquí simbolicamente. *Oholah* significa "a tenda dela"; e *Oholibah ,* "a miña tenda está nela". Tenda equivale a casa, familia. Os devanditos nomes aluden á "Tenda do Encontro" (Ex **26**, 9. 12. 13) e resaltan a ilexitimidade dos templos e do culto de Samaría. A expresión "déronme a luz" presupón a Alianza de Deus con Samaría e Xerusalén.
**23**, 6-8 As prostitucións non son outra cousa ca os pactos políticos con Asiria e con Exipto, que constituíron as esperanzas de Israel desde o 738 ata o 722.
**23**, 10 *Destapáronlle as súas vergonzas:* eufemismo que expresa a privación de dignidade persoal e de liberdade. *Nome simbólico:* lit. "nome", que ten aquí o senso de escarmento. A deportación de Israel a Asiria serviu de escarmento para outros pobos.

tou as súas fornicacións vendo as esculturas de homes nas paredes e as figuras dos caldeos pintadas en vermello, [15]cun cinto polo van e con turbantes que lles agrandaban a cabeza, parecían todos eles xenerais, tiñan o aspecto de babilonios de Caldea, a terra da súa orixe. [16]Coa soa visión dos seus ollos namorouse deles e mandoulles mensaxeiros a Caldea. [17]Os babilonios viñeron onda ela, ao leito dos amoríos, volvérona impura coas súas fornicacións, e ela sentiuse impura con eles, e a súa gorxa sentiu noxo deles. [18]Descubriu os seus xeitos de prostituta e descubriu as súas vergonzas, e entón a miña gorxa sentiu noxo dela, o mesmo que sentira noxo da súa irmá. [19]Pero ela aumentou as súas prostitucións lembrándose dos días da súa mocidade, cando se prostituíra no país de Exipto. [20]Ela seguiu namorada daqueles mancebos, a carne deles era de burros, a súa semente era semente de cabalos. [21]Por isto eu castiguei a lascivia da túa mocidade, de cando os teus peitos eran apalpados por Exipto por causa dos teus seos de moza.

[22]Por isto, Oholibah, así fala o meu Señor: Velaquí, estou incitando contra ti os teus amantes, eses dos que a túa gorxa sente noxo, e fareinos vir contra ti de todo o arredor. [23]Os babilonios e todos os caldeos, anoxados dela, visitan en demanda de axuda a todos os asirios, a eles, novos, bos mozos, gobernadores e corrixidores todos eles, aos xenerais e oficiais, montados en cabalos todos eles. [24]Virá contra ti un exército de xinetes e carros, con multitude de tropas, e porán diante de ti todo ao redor as forcadas, os escudos e mais os helmos; eu expoñerei diante deles a causa e eles xulgarante segundo a súa xustiza. [25]Verterei contra ti os meus celos e tratarante con rabia; arrincaranche o nariz e as orellas e o que che quede caerá a espada; prenderán os teus fillos e as túas fillas e o que che quede será consumido polo lume. [26]Quitaranche os teus vestidos e arrebataranche as túas xoias. [27]Farei desaparecer de ti a túa lascivia e da terra de Exipto a túa fornicación de prostituta; non volverás levantar os teus ollos cara a eles nin te volverás lembrar máis de Exipto. [28]Pois así fala o meu Señor, Iavé: Velaquí, entrégote ao poder dos que ti odias, ao poder daqueles dos que a túa gorxa sente noxo. [29]Tratarante con odio e apoderaranse de todas as túas riquezas, deixarante espida e en coiro, e quedarán ao descuberto as túas vergonzas de prostituta. [30]A túa lascivia e as túas prostitucións trouxéronche isto, por te prostituíres indo tras as nacións, e por te volveres impura cos seus ídolos. [31]Colliches o camiño de túa irmá, e por isto eu porei na túa man a súa mesma cunca.

[32]Así fala o meu Señor, Iavé:
Beberás a cunca de túa irmá,
ben fonda e ben ancha.
Servirá para rir e para burlarse
pola súa grande cabida.
[33]Ti encheraste de borracheira
e de pesares:
cunca de horrores e de desolación
é a cunca da túa irmá Samaria!
[34]Beberala e deixarala baldeira,
rillarás o seu barro,
e logo racharás os teus peitos,
pois son eu quen falei
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
[35]Por isto, así fala o meu Señor, Iavé:
Por te esqueceres de min
e por me dares as costas,
por isto, ti soporta
o castigo da túa lascivia
e da túa prostitución.

**23**, 14-15 Destas pinturas e esculturas hai abondos testemuños asirios e babilonios, especialmente baixorrelevos asirios.
**23**, 17 Sobre esta embaixada, cf 2 Re **20**, 12-19 e Is **39**, 1-8.
*A súa gorxa* (heb. *néfex*): respiración, vida ou tamén gorxa, como órgano da respiración e do gusto.
**23**, 19 A referencia a Exipto non é soamente teolóxica, senón tamén histórica, pois, fronte á opresión babilónica, Xudá fai pactos con Exipto, nos anos 598-588.
**23**,20 *Carne:* eufemismo.
**23**, 21 A finalidade deste v. é expresar que os pecados do pasado, coas súas consecuencias, están presentes na historia do pobo. Prepara así o anuncio do castigo, que segue.
**23**, 23 Os territorios do antigo imperio asirio pertencen agora aos caldeo-babilonios, e deles recrutan xente para os seus exércitos.
**23**, 25 O exército invasor é instrumento dos celos de Deus pola infidelidade do seu pobo. A falta do nariz e das orellas -onde as mulleres portan adornos-, expresa a perda de toda posibilidade de esplendor (cf **10**, 26, e nota ao v. 10).
**23**, 27 Os *ollos:* asento da cobiza, designan aquí as apetencias sexuais.
**23**, 30 A *lascivia* e a *prostitución* son expresión da falta de fe no poder de Deus (cf nota ao v. 3).
**23**, 31 A *cunca.* Ten aquí sentido de castigo. Toma pé do costume humanitario de darlle ao axustizado un caldo de herbas para suavizarlle a dor (cf Xn **19**, 19).
**23**, 32-34 As dimensións da cunca, o rillar o seu barro e a expresión *racharás os teus peitos*, mostran a dureza do castigo.
**23**, 35 Dar as *costas:* comportamento moral de infidelidade á alianza con Deus.

36O Señor díxome: –Fillo de Adán, xulga
a Oholah e a Oholibah, bótalles na cara as
súas abominacións. 37Si que cometeron adul-
terios! Teñen sangue nas súas mans e come-
teron adulterios cos seus ídolos; e ademais
os seus propios fillos, que para min deran a
luz, servíronllelos en comida aos ídolos. 38E
aínda me fixeron isto: contaminaron o meu
santuario o día aquel e profanaron os meus
sábados. 39Ao ofreceren os seus fillos aos
ídolos en sacrificio, o día aquel entraron no
meu santuario, profanándoo. Velaí o que fi-
xeron dentro da miña casa.
40Aínda máis, fanlles regalos a homes que
veñen de lonxe, aos que mandaron mensaxei-
ros; e velaí que viñeron con sorte: ti bañáche-
ste, pintaches os ollos e engalanácheste con
xoias. 41Logo deitácheste en diván pomposo,
cunha mesa preparada diante do diván, e puxe-
ches fronte ao diván o meu incenso e os meus
perfumes aceitosos. 42No diván oíase o algareo
dunha multitude leda, e un exército de homes,
que foron invitados a vir do deserto –unha
abundancia de homes enchíanse a beber–. En-
tón eles puxeron brazaletes nos brazos delas e
un diadema espléndido nas cabezas.
43Eu dixen:
Certo, agora adulterios!
Ai, prostituta, lasciva tamén ela!
44Veñen onda ela,
como se vai xunto dunha prostituta!
Así viñeron onda Oholah e Oholibah,
esas mulleres impúdicas.
45Velaquí os homes xustos que as han xulgar
coa sentenza das adúlteras
e coa sentenza das asasinas,
pois elas son adúlteras
e teñen sangue nas súas mans.
46Pois así fala o meu Señor, Iavé:
Fai subir contra elas unha multitude
e entrégaas á aldraxe e ao saqueo.
47Que a xente lance pedras contra elas
e que as esnaquicen coas súas espadas,
que maten os seus fillos e as súas fillas,
e que queimen co lume as súas casas.
48Farei desaparecer a lascivia do país,
e escarmentarán todas as mulleres,
que non volverán imitar a vosa infamia.
49Farase caer sobre vós a vosa lascivia
e soportaredes os vosos pecados
de idolatría.
Entón recoñeceredes
que eu son o Señor, Deus.

### Anuncio do asedio de Xerusalén: a ola enferruxada

**24** 1O ano nove do mes décimo, o dez deste
mes, veume a palabra do Señor nestes
termos:
2–Fillo de Adán, escribe ti mesmo a data
de hoxe, a data deste preciso día. Neste pre-
ciso día o rei de Babilonia atacou Xerusalén.
3Proponlle á casa Rebelde unha parábola, di-
cíndolles:
Así fala o meu Señor, Iavé:
Pon, pon no fogón unha ola,
e bótalle dentro auga;
4bota nela os anacos de carne,
todas as talladas mellores,
pernil e solombo.
Énchea dos mellores ósos.
5Colle o mellor do rabaño.
Que un feixe de ósos debaixo dela
fagan ferver o seu cocido!
Que cozan os ósos que ten dentro!
6Por isto, así fala o meu Señor, Iavé:
Ai da cidade lixada de sangue!
Ai da ola emporcallada e enferruxada,
da que non sae a ferruxe!
Que a baleiren tallada a tallada,
pois non houbo sorte con ela!
7O seu sangue está no medio dela;
púxoo sobre un penedo pelado,
non o verteu na terra,
para que o po o tape.
8Para aumentar o meu noxo
para tomar a miña vinganza,
deixeina poñer o seu sangue
sobre un penedo pelado,
para que non se cubra.

**23**, 37 *Servíronllelos* (lit. "fixéronos pasar"). O sacrificio dos propios fillos aos ídolos vén preparado pola referencia a "ter sangue nas mans". Os fillos perténcenlle a Deus; pero o pobo ofréndallelos aos ídolos.
**23**, 46-47 Nestes vv. aparecen algúns sufixos pronominais masculinos, mesturados cos femininos por concordancia, segundo o senso. Traducimos sempre 'elas'.
**23**, 49 A perspectiva salvífica non a esquece o profeta nin sequera neste contexto de castigo.
**24** Esta sección comeza presentando as circunstancias do oráculo: asedio de Xerusalén o 4 de xaneiro do ano 588 (vv. 1-2). Distínguense no texto dúas partes, ademais da introducción: a) Un "maxal" ou parábola (vv. 3-5); b) Xuízo de castigo contra a cidade, desenvolvendo a parábola anterior (vv. 6-14).
**24**, 6-7 *Lixada de sangue:* en paralelo con *emporcallada e enferruxada*, ten que referirse ao sangue menstrual, que a volve impura; son todas as súas impurezas e idolatrías. O "poñer o seu sangue" (as prendas lixadas) sobre o penedo, quere expresar a ostentación idolátrica.

[9]Por isto así fala o meu Señor, Iavé:
Ai da cidade lixada de sangue!
Eu mesmo farei máis grande
a morea de leña,
aumentarei a leña,
[10]prenderei o lume
e farei que se consuma a carne,
botareille graxas recendentes
e queimaranse os ósos.
[11]Logo poñerei a ola baleira
sobre as brasas
para que o seu bronce se requeime
e se poña relucente;
e derreterase a porcallada que ten dentro,
consumiráselle a súa ferruxe.
[12]Aínda que multiplicase
os meus traballos,
non lle sairía a súa moita ferruxe,
nin con lume sairía a ferruxe.
[13]Na túa impureza hai lascivia;
por máis que te limpei,
ti non quedaches limpa da túa impureza,
e non volverás estar limpa
ata que desafogue contra ti a miña ira.
[14]Eu, o Señor, dixen:
Chega a miña ira, e fareino,
non o descoidarei,
non me apiadarei, nin me compadecerei;
serás xulgada conforme
o teu comportamento
e conforme as túas accións
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
[15]Veume a palabra do Señor
nestes termos:
[16]–Fillo de Adán, velaquí,
vouche arrebatar de repente
a alegría dos teus ollos.
Non fagas dó nin chores
e que non che veñan as bágoas.
[17]Quéixate en silencio pola túa morta,
non fagas dó;
cingue o teu turbante
e calza nos pés as túas sandalias;
non cubras a barba
nin comas pan doutros homes.
[18]Pola mañá faleille ao pobo,
e polo serán morreu a miña muller
e á mañá seguinte
fixen tal como se me mandou.
[19]Entón díxome a xente:
–Acaso non nos vas mostrar
que queren dicir estas cousas?
Que é o que estás facendo?
[20]Logo, díxenlles: –Veume a palabra do Señor nestes termos: [21]Dille á casa de Israel: isto di o meu Señor, Iavé: Sabede que eu vou profanar o meu santuario, o orgullo da vosa cidadela, a alegría dos vosos ollos, e instrumento de expiación polas vosas vidas. Os fillos e as fillas que deixastes caerán pola espada. [22]Entón faredes tal como eu fixen: Non taparedes a barba nin comeredes pan doutros homes. [23]Seguiredes cos turbantes nas vosas cabezas e coas sandalias nos vosos pés; non faredes dó nin chorardes, consumirédesvos por culpa das vosas iniquidades e lamentarédesvos cada un por seu irmán. [24]E cando isto veña, Ezequiel serviravos de sinal admirable: faredes todo tal como el fixo e recoñeceredes que eu son o Señor, Iavé.

[25]E ti, fillo de Adán, o día que eu lles arrebate a súa fortaleza, a alegría da súa gloria, a ledicia dos seus ollos, e o rexurdir das súas vidas, os seus fillos e as súas fillas, [26]o día aquel irá onda ti o que puido fuxir, para traer a noticia aos teus oídos. [27]E o día aquel a túa lingua soltarase e falarás co fuxitivo; non volverás estar mudo, senón que serás para eles un sinal admirable. Recoñecerán que eu son o Señor.

**24**, 9-12 Estes vv. desenvolven as imaxes dos vv. 3-5. Co castigo porase fin á vida feliz ("carne") e á esperanza de prosperidade ("os ósos"). E, a pesar do intento de quitarlle a ferruxe á ola, esta segue enferruxada.

**24**, 15-27 O texto consta das partes seguintes: a) Prohibición ao profeta de facer mostras de dó pola morte da súa muller, como xesto simbólico (vv.15-17); b) Realización da orde divina, e explicación do profeta ao pobo (vv.18-19); c) Aplicación do xesto simbólico á situación da caída inminente de Xerusalén (vv. 20-27).

**24**, 16 *A alegría dos teus ollos.* Era a súa dona, que o comprendía e animaba. O anuncio da súa morte faise aínda máis duro ao non permitirlle facer dó por ela.

**24**, 17 O que se lle manda facer ao profeta é o contrario do ritual fúnebre. Non podendo expresar a dor, aparece sen dignidade (cf nota a **23**, 10). O *pan* (= comida), non se facía na casa do defunto, pois o cadáver volvía impura a casa: aceptábase o pan que ofrecían os veciños.

**24**, 21 *Instrumento de expiación.* O vocábulo empregado ten o valor de compadecerse, "ter misericordia, ou perdoar", máis ca o de "anceio", sentido que, ademais, non é paralelo coa ledicia que precede.

**24**, 22-24 O que fixo o profeta farao tamén o pobo ao capitular Xerusalén, de xeito que o xesto simbólico de Ezequiel servirá de sinal de que todo iso é un castigo de Deus.

**24**, 25-27 Explicitación do xesto simbólico, indicando o remate dun período de mudez, que coincide coa caída do templo, no que tiñan posta unha confianza temeraria. O templo vén descrito cos mesmos calificativos ca a muller de Ezequiel (vv. 15-21. 25).

# ORÁCULOS CONTRA AS NACIÓNS

## Contra os amonitas

**25** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, ponte cara aos amonitas e profetiza contra eles, [3]dilles aos fillos de Amón: Escoitade a palabra do meu Señor Iavé: Por dicirdes contra o meu santuario: "Ei, que sexa profanado!" E contra a terra de Israel: "Que vaian á catividade!", [4]por isto velaquí que eu te entrego en herdanza aos fillos do Nacente, que asentarán en ti os seus valados de pedra e chantarán en ti os seus campamentos; eles comerán os teus froitos e beberán o teu leite; [5]converterei a Rabah nun pasteiro de camelos e as construcións de Amón nun curral de ovellas. Deste xeito recoñeceredes que eu son o Señor.

[6]Así fala o meu Señor, Iavé: Por bateres palmas e pateares cos pés, e por te alegrares con todo o teu desprezo polas terras de Israel, [7]por isto estendo a miña man contra ti: entregareite en botín ás nacións e exterminareite de entre os pobos; fareite desaparecer de entre os países e devastareite. Deste xeito recoñecerás que eu son o Señor.

## Contra Moab

[8]Así fala o meu Señor, Iavé: Por dicirdes, Moab e Seir: "Velaquí, a casa de Xudá é igual ca todas as nacións", [9]por isto, fíxate: vou abrir un costado a Moab, por falar burlescamente; de entre as súas cidades quitareille a xoia do país, o Casal da Desolación, o Casal de Baal Meón e Quiriataim: [10]entregareina aos fillos do Nacente en herdanza ante os fillos de Amón, para que nunca máis sexan lembrados os fillos de Amón entre os pobos. [11]Farei xustiza en Moab. Entón recoñecerán que eu son o Señor.

## Contra Edom

[12]Así fala o meu Señor, Iavé: Por mor do comportamento de Edom ao practicar a vinganza contra a casa de Israel, e se facer culpable da súa vinganza contra ela, [13]por isto así fala o meu Señor, Iavé: Estendo o meu brazo contra Edom: exterminarei del homes e animais, convertereino nunha desolación, desde Temán ata Dedán caerán á espada. [14]Descargarei a miña vinganza contra Edom pola man do meu pobo Israel, que tratará a Edom conforme o meu xenio e a miña ira. Entón coñecerán a miña vinganza –é o meu Señor, Iavé, quen fala.

## Contra os filisteos

[15]Así fala o meu Señor, Iavé: Por obraren os filisteos a traizón e por se vingaren con profundo desprezo persoal dunha morte que

**25**, 1-17 Con este c. comeza a sección de oráculos contra as nacións pagás (cc. **25**-**32**). Hai no c. **25** catro oráculos contra os veciños inmediatos de Xudá. Os oráculos manteñen a estructura típica: encargo, invitación a escoitar, acusación, e anuncio de castigo, para acabar co recoñecemento de Iavé por parte do pobo.

**25**, 2 *Os amonitas* son, segundo Xén **19**, 30-38, descendentes da unión incestuosa da filla máis nova de Lot con seu pai. Ocuparon o Nacente do Xordán no seu tercio inferior, desde Xenesaret ao Mar Morto; a súa capital foi Rabat-Amón (a actual Ammán). Estiveron sempre en tensións cos hebreos (cf Xuí **10**, 6-**11**,40), especialmente no reinado de Ioaquim (2 Re **24**, 2), e despois da caída de Xerusalén (cf Xer **40**, 14; **41**, 10-15).

**25**, 3-7 Desde o punto de vista literario, hai dous oráculos de xuízo de castigo (vv. 3-5 e 6-7), aínda que as acusacións veñen coincidir: o desexo e ledicia pola caída de Xerusalén -pola cobiza do seu territorio-, o mesmo ca os anuncios de castigo.

**25**, 4 Os *fillos do Nacente* son as tribos árabes do deserto.

**25**, 5 Entendemos Rabah como paralelo con Amón, referíndose á mesma cidade (a capital dos amonitas).

**25**, 6 Os tres xestos (bater as palmas, patear e alegrarse con desprezo) expresan a ledicia cobizosa dun terreo sen donos, e mellor ca o propio, que se abre ás posibilidades de emigración.

**25**, 8 *Moab* é descendente da unión incestuosa de Lot e da súa filla máis vella. Os moabitas instaláronse ao L da costa oriental do mar Morto. A súa inimizade con Xudá viña de antigo (cf Xuí **3**, 12-30; 1 Sam **14**, 47).

**25**, 8-11 A acusación é o non recoñecer o posto especial de Xudá na historia (v. 8). O anuncio de castigo (vv. 9-11) consistirá en desprotexer as cidades de defensa, abríndolles camiño aos beduínos de Arabia, que acabarán co país.

**25**, 9 *Casal da Desolación* (hebrea: *bet-ha-ieximot*): cidade a 2,5 km ao N da desembocadura do Xordán (cf Núm **33**, 49; Xos **12**, 13; **13**, 20).

*Baal Meón:* A 8 km ao NO de Dibón (cf Núm **32**,38; Xer **48**,10).

**25**, 12 Os edomitas, situados ao SL de Xudá, eran descendentes de Esaú. As tensións entre os dous fillos de Isaac non acabaron nunca, pois no Éxodo non se comportan como tribos irmás (cf Núm **20**), continuando así na época da monarquía (cf 1 Sam **14**, 47; 2 Sam **8**; 1 Re **11**; 2 Re **14**). As tensións chegaron ao cume despois da caída de Xerusalén (cf Sal **137**, 7. 13; Lam **4**, 21-22; Xl **4**, 19; Abd **10**-16), pois de feito ocuparon o S de Xudá, dando orixe á "Idumea Romana", empurrados polas tribos nabateas.

**25**, 12-14 Acúsase a Edom de vinganza contra Israel, con referencias ás tradicións patriarcais do Xén **27**; **33**, 1-17, e mais á ocupación do S de Xudá ante a deportación do 588. Deus sairá en axuda de Israel.

**25**, 13 Sobre *Temán,* cf Xén **36**, 11 ; Xer **49**, 7. 20; Am **1**,12. *Dedán* estaba situado ao SL do territorio, en lugar non identificado (cf nota a **27**, 20).

**25**, 15 Este oráculo contra os filisteos (heb. *pelixtim*) está centrado ao arredor do termo "vingar". O devandito pobo chegou desde o occidente ao S da Palestina, instalándose alí.

**25**, 15 A acusación de traizón e vinganza ten que referirse á anexión de terras despois das deportacións do ano 598 e 588/7. A referencia a unha morte debe aludir á morte de Goliat (cf 1 Sam **17**, 40-54).

trouxo odio secular, [16]por isto así fala o meu
Señor, Iavé: Vede que vou estender a miña
man contra os filisteos, vou exterminar os
quereteos, vou arruinar os que queden da
beira do mar. [17]Vou facer neles unha terrible
vinganza, con castigos desapiadados. Entón,
cando eu me vingue deles, recoñecerán que
eu son o Señor.

**Oráculo de castigo contra Tiro**

**26** [1]Sucedeu no ano undécimo, no primeiro do mes, que me veu a palabra
do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán: Xa
que Tiro dixo acerca de Xerusalén: "Vela-
quí!, están esnaquizadas as portas da cidade,
e pasa ao meu poder: fartarei nela a miña es-
pada". [3]Por isto, así fala o meu Señor, Iavé:

Óllame aquí contra ti, Tiro!
Levanto contra ti os pobos en masa
o mesmo que o mar levanta
as súas ondas.
[4]Destruirán as murallas de Tiro
e botarán abaixo as súas fortalezas;
eu varrerei dela o mesmo po
e deixareina na nudez do penedo.
[5]Será un secadoiro de redes
no medio do mar.
Son eu quen o dixo!
–oráculo do Señor–.
E servirá de botín para as nacións.
[6]As súas vilas que están en terra firme
serán traspasadas coa espada.
Entón recoñecerán que eu son o Señor.

[7]Pois así fala o meu Señor, Iavé:
Velaquí, eu traio contra Tiro
a Nabucodonosor, rei de Babilonia;
desde o Norte traio o rei de reis,
con cabalos, con carros e con cabaleiros,
cun exército de moita xente.
[8]As túas vilas que están na terra firme
serán traspasadas coa espada,
construirá contra ti un muro de asedio,
levantará contra ti un terraplén
e erguerá contra ti
un teito de protección.
[9]Dirixirá os golpes dos seus arietes
contra as túas murallas,
e derrubará as túas fortalezas
coas súas machadas.
[10]Coa multitude dos seus cabalos
cubrirate de po.
E co ruído dos animais de arrastre,
das rodas e dos carros,
abanearán as túas murallas,
cando el entre polas túas portas,
como quen entra nunha cidade
onde se abriron brechas.
[11]Cos cascos dos seus cabalos
irá esmagando todas as túas rúas.
Coa espada atravesará ao teu pobo,
e as túas poderosas estelas
caerán por terra.
[12]Saquearán o teu tesouro
e farán botín das túas mercancías.
Botarán abaixo as túas murallas
e derrubarán os teus suntuosos palacios.
As túas pedras, as túas madeiras
e as túas ruínas
botaranas ao medio do mar.
[13]Eu farei parar o son dos teus cantares
e a música das túas liras
non se volverá oír.
[14]Deixareite na nudez do penedo,
serás un secadoiro de redes,
non volverás ser reedificada,
pois eu, o Señor, son quen falei
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.

[15]Así fala o meu Señor, Iavé:
Tiro, escoita: as costas estremeceranse
co ruído da túa caída,
co lamentarse dos teus acoitelados,
coa matanza das vítimas dentro de ti.
[16]Baixarán dos seus tronos
todos os príncipes do mar,
despoxaranse dos seus mantos
e quitaranse os seus vestidos bordados;

**25**, 16 *Quereteos:* debe ser unha poboación chegada de Creta, que ocupou a mesma zona ca os filisteos e que se asimilou con eles (cf Dt **2**, 23; Xos **13**, 2s; 2 Sam **8**, 18; Xer **47**, 4; Am **9**, 7).
**26**, 1-2 Con este c. comeza unha sección que acaba no **28**, 18. A perícope de **26**, 1-21 constitúe un oráculo de xuízo de castigo contra Tiro, coa acusación de cobiza da posesión de Xerusalén unha vez caída, que se presenta en forma de tipificación da acusación (v. 2). O anuncio de castigo (v. 3) e a súa tipificación (v. 4) teñen este desenvolvemento: Deus levantará os pobos contra Tiro, para que destrúan as súas murallas e defensas (anuncio de castigo: 4b; e tipificación: vv. 5-6); Deus varrerá a cidade da illa sobre a que está construída e o seu terreo será asolado (anuncio de castigo: v. 7; tipificación: vv. 8-12); a invasión das cidades satélites da terra firme, e o asedio de Tiro por Nabucodonosor (anuncio de castigo: v. 13; tipificación: v. 14). Os vv. 15-21 son un probable engadido con inversión da orde (tipificación na que se inclúe unha curta elexía: vv. 15-18; e anuncio de castigo: vv. 19-21).
**26**, 2 *Cidade* (lit. "fortaleza"): Xerusalén.
**26**, 6 *As súas vilas* (lit. "as súas fillas"): estas vilas estaban situadas no continente, pois Tiro era unha vila pretiño da costa.
**26**, 7 O asedio de Nabucodonosor comezou no ano 585 e durou ata o 572, pero sen éxito, como sabemos por **29**, 17-21. Quen destruirá Tiro será Alexandre Magno no ano 332.
**26**, 15 *As costas:* son as colonias fenicias que dependían de Tiro no tocante ao comercio.

vestiranse de pánico,
sentarán no chan,
tremerán horrorizados
sentiranse estarrecidos por mor de ti.
17Entoarán unha elexía por ti, dicindo:
Como desapareciches
e fuches esnaquizada
no mar, vila enxalzada!
A que era máis forte ca o mar,
ela e mais os seus reis,
os que sementaban o terror en seu favor,
si, todos os reis!
18Agora as illas tremen
no intre da túa caída,
as illas que hai no mar
están aterrorizadas
por causa da túa desfeita.

19Pois así fala o meu Señor, Iavé:
Cando eu te converta
en cidade asolada,
como as cidades onde xa non se habita;
cando eu erga o abismo sobre ti,
e te cubran as grandes augas,
20entón fareite baixar
onda os que baixaron ao foxo,
onda os pobos doutros tempos,
e fareite habitar nas profundidades,
nas eternas ruínas,
cos que baixaron ao foxo,
para que non volvas reinar,
nin volvas encher de esplendor
a terra dos vivos.
21Convertereite en espanto,
e xa non existirás;
buscarante e non te atoparán
endexamais,
–é o meu Señor, Iavé, quen fala.

**Elexía sobre a caída de Tiro**

**27** 1Veume a palabra do Señor nestes termos: 2–Oe ti, fillo de Adán, entoa sobre Tiro unha elexía: 3Tiro, a ti que sentas rexiamente á entrada do mar, que a moitas costas vas traficando cos pobos, así fala o meu Señor, Iavé:
Tiro, pareces un barco
de acabada fermosura,
4os teus lindeiros están
no corazón do mar,
os que te construíron
consumaron a túa fermosura;
5de cipreses de Senir fixéronche
todo o teu casco,
colleron un cedro do Líbano
para facer o teu mastro;
6con carballos de Baxán
fixeron os teus remos,
fixeron os bancos de almafí;
os cuartos, de cedro
traído das costas de Chipre;
7de liño curado de Exipto con bordados
era a tea que che servía de vela;
de púrpura azul e de púrpura vermella
das costas de Elixah era o teu toldo.
8Príncipes de Sidón e de Arvad
eran os teus remeiros,
sabios de Tiro estaban en ti:
eran os teus mariñeiros.
9Expertos de Biblos e os seus sabios
estaban en ti tapando as túas fendas;
todos os barcos do mar
e mais os seus mariñeiros
aparecen en ti para facer comercio
coa túa carga;
10persas, lidios e mais libios
estaban no teu exército,

**26**, 17 *O mar* ten aquí resonancias da divindade mítica Iam, o monstro mariño da mitoloxía primordial, expresión da provocación do caos económico e comercial.
**26**, 19 O *abismo* (heb. *tehom*): é o caos primordial, no que se supón a actividade desordenadora de Iam.
**26**, 20 *O foxo* ten aquí o mesmo senso ca o xeol. O recurso do profeta a motivos míticos ten unha finalidade expresiva e poética, ao mesmo tempo que de ensinanza teolóxica (as forzas abismais fenderán Tiro: cf v. 19).
**27**, 1-36 Este c. é literariamente unha elexía polo desastre de Tiro (cf v. 2). Comeza o texto comparando Tiro cun fermoso barco, pois está no mar e dedícase ao comercio marítimo (v. 3). Descríbese a súa espléndida construción e o seu persoal de a bordo (vv. 4-9), pasando a presentar as orixes dos seus soldados (vv. 10-11). Os vv. 12-25a describen o seu fecundo comercio cos pobos máis diferentes, para chegar ao naufraxio simbólico do barco (vv. 25b-28) e ás consecuencias de paro e lamentación dos mariñeiros (vv. 29-31). Conclúe cun canto de elexía (vv. 32-36), no que se vai facendo un repaso das mercadorías, do naufraxio, dos habitantes das colonias comerciais, e dos traficantes.
**27**, 5 *Senir*: nome amorreo do monte Hermón (cf Dt **3**, 9; 1 Cro **5**,23; Cant **4**, 8).
**27**, 6 *Baxán*: rexión do río Iarmuc, na Transxordania ( cf Is **2**, 13; Zac **11**, 2).
**27**, 7 *Elixah*: na costa oriental de Chipre (cf Xén **10**, 4).
**27**, 8 *Arvad*: cidade-illa ao N de Sidón. Hoxe chámase Ruad.
**27**, 9 *Biblos* (lit. "Guebal"): outra cidade fenicia .
**27**, 10 *Persas* (heb. "parás"): eran os habitantçs do actual Irán, a antiga Persia. *Lídios* (lit. "Lud"): en Africa, preto dos libios (Neh **3**, 9; Xer **46**, 9; Ez **30**, 5), ou en Asia Menor. *Líbios* ou etíopes (lit. "Put"), ao S do mar Rubio, en África (Xén **10**, 6; Neh **3**, 9; Ez **30**, 5; **38**, 5).

eran os teus homes de guerra;
escudos e helmos colgaban en ti,
dábanche esplendor.
[11]Os de Arvad eran o teu exército,
dos teus muros todo ao redor,
e os gamaditas estaban
nas túas fortalezas;
colgaban os seus escudos
nos teus muros todo ao redor,
e consumaban a túa fermosura.
[12]Tárxix era o teu arrieiro
pola abundancia da túa riqueza;
por prata, bronce, estaño e chumbo
cambiaban a túa mercadoría.
[13]Iaván, Tubal e mais Méxec
eran os teus mercadores,
por escravos e útiles de bronce
cambiaban a túa mercadoría.
[14]Os do estado de Togarmah
cambiábanche a túa mercadoría
por cabalos, corceis e mais machos.
[15]Os homes de Rodas
eran os teus traficantes;
os de moitas costas eran comerciantes
intermediarios teus,
dábanche en paga dentes de almafí
e mais madeira de ébano.
[16]Aram era o teu mercador
pola abundancia da túa produción;
por granate, púrpura, fío, corais e rubís
cambiaban parte da túa mercadoría.
[17]Xudá e o país de Israel
eran os traficantes;
por trigo de Minit e por bicas doces,
mel, aceite e bálsamo
cambiaban as túas mercadorías.
[18]Damasco era quen traficaba,
coa abundancia dos teus produtos,
coa abundancia das túas riquezas,
polo viño de Helbón, pola la de Sahar,
[19]e polas xerras de viño de Izal
cambiaban parte da túa mercadoría;
ferro forxado, canela e canivela aromática
eran parte das túas mercadorías.
[20]Dedán era o teu mercador
en mantas de montar a cabalo.
[21]Arabia e os príncipes de Quedar
eran traficantes dos teus haberes
en años, carneiros e castróns;
eran os teus traficantes
nestas mercadorías.
[22]Os traficantes de Sabá e de Ramah
eran os que traficaban contigo;
polo mellor de todas as especias,
pedras preciosas e ouro
cambiaban as túas mercadorías.
[23]Harán, Caneh e Edén
eran os que traficaban
con Sabá, Asur e Kilmad
a túa mercadoría;
[24]estes eran os teus traficantes
en vestidos elegantes,
en mantos de púrpura e bordados,
en alfombras de la de varias cores,
en cordas ben torcidas e fortes:
eran os teus traficantes
nestas mercadorías.
[25]Os barcos de Tárxix eran
os que che transportaban a túa mercancía;
enchícheste e pesabas moito
no corazón do mar;
[26]os que te traían a maltraer,
leváronte a alta mar,
e o vento do leste esnaquizoute
no corazón do mar.
[27]As túas riquezas, as túas mercadorías
e o teu comercio,
os teus mariñeiros
e os teus homes do mar,
os que tapan as túas fendas

**27**, 11 *Gamaditas*: colonia fenicia non identificada.
**27**, 12 *Tárxix*: referencia aos tartesios, do N de Cádiz, na península Ibérica.
**27**, 13 *Iaván*: son os xónicos, da Asia Menor. *Tubal* e *Méxee* son tamén pobos da Asia Menor (cf Xén **10**, 2; **32**, 26; **38**, 2).
**27**, 14 *Togarmah,* segundo 38, 26, está situado nos lindeiros do N (Armenia): cf Xén **10**, 3.
**27**, 15 *Rodas*: heb. *Dedán* (que aparece tamén no v. 20). Desde o punto de vista crítico, parece máis aceptable a lectura que ofrece o texto grego, e que facemos nosa.
**27**, 16 *Aram.* Outras prefiren "Edom".
**27**, 17 *Minit*: no país dos amonitas (cf Xuí **11**, 33).
**27**, 18 *Helbón*: ao N de Damasco (actualmente Habbún). *Sahar*: ao NO de Damasco.
**27**, 19 *Izal.* Lemos así, en vez do hebreo Uzal, pois aparece así nos textos neobabilónicos. Famoso polo seu viño, sitúase ao NL de Nisibín.
**27**, 20 Dedán: pode situarse en Arabia (segundo Xén **10**, 7; Is **21**, 13; Xer **25**, 23), ou en Edom (seguindo a Ez **25**, 13 e Xer **49**, 8).
**27**,21 *Quedar*: no deserto de Siria-Arabia (cf Xén **25**, 13; Sal **120**, 5; Is **21**, 16; **42**, 11; **60**, 7).
**27**, 22 *Sabá e Ramah*: no actual Iemen, ao S de Arabia (cf Xén **10**, 7; 1 Re **10**, 1 s; 1 Cro **1**, 9; Sal **72**, 15).
**27**, 23 *Harán*: na alta Mesopotamia (Xén **11**, 31; **12**, 5; 2 Re **19**, 12).
*Edén*: no Éufrates central (cf 2 Re **19**, 12; Is **37**, 12; Am **1**, 5).
*Asur*: a cidade, non a nación asiria.
**27**, 25 Os *barcos de Tárxix*: os mellor equipados de entón, pois facían a travesía máis longa coñecida (ata Cádiz).
*Corazón do mar* (cf vv. 4-26): A alta mar, no senso do mar do que non se coñece o fondo (en paralelo cos secretos, plans e intencións do corazón).
**27**, 27 *Caerán ao corazón do mar:* entrarán en fonda crise, fundamentalmente económico-laboral (pois a imaxe é a dun barco que se afunde).

e os que trafican coa túa mercadoría,
todos os teus homes de guerra
que había en ti,
e toda a túa tripulación
que está dentro de ti
caerán ao corazón do mar
no intre da túa caída.
[28]O grito de auxilio da túa tripulación
estremecerá o espazo remoto:
[29]entón todos os que empuñan o remo
baixarán dos seus barcos,
mariñeiros e todas as tripulacións
do mar quedarán en terra.
[30]Levantarán a súa voz e berrarán
amargamente por ti,
botarán po nas súas cabezas
e rebelaranse na cinsa.
[31]Raparán a súa cabeza por ti,
e vestiranse de saco.
Chorarán por ti con amargura persoal,
con lamentos amargos.
[32]E no seu dó entoarán por ti unha elexía,
cantarán por ti esta elexía:
"Quen foi coma Tiro, como a Fortaleza
no medio do mar?".
[33]Co trasego das túas mercadorías
polo mar
fartabas os pobos das túas riquezas;
coa abundancia dos teus bens
e das túas mercadorías
enriquecías os reis do mundo.
[34]Agora ti estás desfeita polo mar,
estás nos profundos do mar;
as túas mercadorías
e a túa tripulación naufragaron.
[35]Todos os habitantes das costas
están estarrecidos por causa túa,
e os seus reis están horrorizados,
conmóveselles a faciana.
[36]Os traficantes entre as nacións
asubían por ti:
volvícheste algo horrible,
deixaches de existir para sempre!

**Contra o príncipe de Tiro**

1. *Oráculo de castigo*

**28** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, dille ao príncipe de Tiro:

Así fala o meu Señor, Iavé:
Dado que se ensoberbeceu o teu corazón
e pensaches: "Son un deus,
estou sentado nun trono de deuses
no corazón do mar",
sendo ti un home, non un deus,
aínda que pensaches que tiñas
unha sabedoría coma a dos deuses.
[3]Seica ti es máis sabio ca Daniel
E ningún misterio se che resiste!
[4]Coa túa habilidade e coa túa agudeza
conseguiches ouro e prata
entre os teus tesouros.
[5]Con aguda listura nos teus tratos
aumentaches a túa fortuna,
e coa riqueza o teu corazón
volveuse orgulloso.
[6]Por isto así fala o meu Señor, Iavé:
Porque consideraches a túa sabedoría
como a sabedoría dun deus,
[7]por isto, velaquí que eu vou traer contra ti
os bárbaros, os máis tiranos dos pobos;
desenfundarán as súas espadas
contra a túa preciosa sabedoría
e acoitelarán o teu esplendor.
[8]Farante baixar ao abismo,
e no corazón do mar
morrerás coa morte do acoitelado.
[9]Aínda te atreverás a dicir:
"Eu son un deus",
na presenza dos que te van matar?
Pois ti es un home, non un deus,
nas mans dos que te van acoitelar.
[10]Nas mans dos bárbaros morrerás
coa morte dos castrados,
pois eu son quen falei
–oráculo do Señor.

**27**, 30-31 Estes ritos son propios dunha lamentación colectiva, e tamén dun pranto fúnebre.
**27**, 34 No tocante ás resonancias míticas do mar, cf nota a **26**, 17.
**28**, 1-19 Sección con dúas partes:
a) A primeira (vv. 1-10) é un oráculo de castigo individual, no que se acusa a Tiro de soberbiosa pola súa sabedoría, actitude absurda, que levará ao seu rei a quedar mal parado.
b) A segunda (vv. 11-19) forma unha elexía, anque, pola súa métrica, non o pareza. Contrástase un pasado de bendicións divinas coa situación presente e cun futuro de castigo, que rematará con Tiro e co seu rei. No texto reflíctese unha situación de crise na cidade, provocada polo asedio.
**28**, 2 *Ensoberbeceu o teu corazón:* pola súa autodivinización, a pesar de que o trono dese rei está no mar, lugar da desorde e do caos (cf nota a **26**, 17).
*Sabedoría:* lit. "corazón", pero como sinónimo de sabedoría (cf 1 Re **5**, 9; Xob **12**, 3; **34**, 10; Pr **19**, 4; **8**, 5).
**28**, 3 *Daniel*: figura da lenda ugarítico-cananea, prototipo do sabio, de onde o recolleu o autor do libro canónico dese nome.
**28**, 4 *Habilidade*: lit. "sabedoría", que non é puramente especulativa, senón práctica. *Agudeza* (heb. "tebunah"): capacidade de diferenciar, para conseguir o éxito.
**28**, 8 As referencias ao abismo e ao corazón do mar, refírense ao carácter caótico e mortífero de Iam, onde o rico cobizoso ten o seu trono (cf nota a **26**, 17).
**28**, 9 A privación dos bens descóbrenlle ao rico o seu corazón humano e feble.
**28**, 10A referencia á morte dos castrados quere resaltar a falta de descendencia.

2. *Elexía*

11Veume a palabra do Señor nestes termos:
12—Fillo de Adán, entoa unha elexía sobre o rei de Tiro: Así fala o meu Señor, Iavé:

Ti es a serpe da perfección,
cheo de sabedoría
e perfecto en fermosura;
13ti vives no Edén, o xardín de Deus,
toda sorte de pedras preciosas
son o teu valo:
cornalina, topacio, augamariña,
crisólito, berilo e ónix;
zafiro, rubí e esmeralda,
e o ouro que hai en ti
é por causa da túa fermosura,
e do teu esplendor; foi preparado para ti
o día que fuches creado.
14Ti eras un querubín coas ás estendidas,
púxente de gardián,
estabas no monte santo dos deuses,
e movíaste por entre carbóns ardendo.
15Ti eras perfecto
polo teu comportamento,
desde o día en que fuches creado
ata o día no que se atopou
en ti a iniquidade.
16Coa abundancia do teu comercio
íaste enchendo por dentro
de violencia e pecados,
por isto eu destituínte da categoría sacra,
lonxe da montaña de Deus,
e elimineite a ti, querubín protector,
de entre os carbóns acendidos.
17O teu corazón ensoberbeceuse
por mor da túa fermosura,
e ti destruíches a sabedoría
a causa do teu esplendor;
eu boteite no xeol
e púxente diante dos reis
para que te contemplasen.
18Coa multitude das túas iniquidades
e a inxustiza do teu comercio
profanaches o teu santuario;
por isto farei saír lume do medio de ti,
que te devorará, e convertereite en cinza,
sobre a terra, na presenza de todos
os que miren.
19Todos os teus amigos entre as nacións
estarán horrorizados por causa túa;
ti serás algo horrible,
e nunca máis volverás existir.

**Oráculo de castigo contra Sidón**

20Veume a palabra do Señor nestes termos:
21—Fillo de Adán, dirixe a túa ollada cara a Sidón e profetiza contra ela: 22Así fala o meu Señor, Iavé:

Velaquí, eu estou contra ti, Sidón,
e vou ser glorificado dentro de ti.
Entón recoñecerán que eu son o Señor,
cando execute nela a sentenza
e mostre nela a miña santidade.
23Mandarei contra ela a peste
e o sangue ás súas rúas;
caerá o asasino sobre ela,
coa espada subirá a Sidón
de todo o arredor.
Entón recoñecerán que eu son o Señor.
24E xa non volverá haber
para os da casa de Israel
espiño que se crava
nin aguillón que fura
de parte de todos os veciños
que os desprezan.
Entón recoñecerán
que eu son o Señor, Deus.

**28**, 12 *Serpente da perfección*: a relación da serpente coa perfección (= sabedoría) déixase ver en Xén **3**, 1 e Mt **10,** 16. Os fenicios coidaban que, ao abrir os ollos as serpentes divinas, enchían de luz e fermosura o lugar. A serpe (ou espada de lume) e o querubín gardaban a entrada dos templos babilónicos (cf tamén Xén **3**, 24). Do mesmo xeito, o rei de Tiro protexe a súa prosperidade, con intento de autodivinización. Sobre o paralelismo semítico sabedoría-fermosura, cf 1 Sam **25**, 3.
**28**, 13 *Edén* (cf Xén **2**, 10; **4,** 16). As riquezas da morada de Deus son comúns ás diferentes relixións. A súa concepción como xardín aparece en 1 Re **6**, 29. 32 (cf Xén **2**, 8ss).
**28**, 14 O xardín de Deus é equivalente ao monte santo dos deuses e ao Olimpo semítico. Por isto, os *carbóns ardendo* (lit. "pedras de lume") son equivalentes ás pedras preciosas do v. 13.
**28**, 16 O autor percibe a perigosidade moral do comercio, que pode levar ao afastamento de Deus.
**28**, 17 O *xeol* (lit. "a terra", ou "baixo-terra"). Para os semitas, no xeol hai vida, anque non felicidade plena.
**28**, 18 O *santuario* incluía todas as dependencias anexas ao mesmo (cf Xer **51**, 51).
**28**, 20-24 Oráculo de castigo (non de xuízo de castigo, pois a única acusación é o v. 24c, ao que lle faltan as marcas literarias dunha verdadeira acusación). Co castigo dos inimigos de Israel mostrará Iavé a súa transcendencia, ao mesmo tempo que libera o seu pobo.
**28**, 22 A glorificación de Deus e o seu recoñecemento realízanse mediante unha manifestación de poder, co que Deus fai xustiza contra o opresor. Deste xeito, mostrará a súa santidade, respecto dos poderes humanos.
**28**, 23 *Caerá o asasino*: refírese a Babilonia. A data do oráculo pode ser despois do ano 573, momento no que Sidón colle importancia, ao prolongarse o asedio de Tiro.

**Restauración de Israel e castigo contra os seus veciños**

25 Así fala o meu Señor, Iavé: Cando eu reúna a casa de Israel de entre os pobos onde están esparexidos, mostrarei a miña santidade neles á vista de todos os pobos e asentarán na terra que eu lle dei ao meu servo Xacob.
26 Asentarán nela con tranquilidade, construirán casas e plantarán viñas e vivirán na tranquilidade, cando eu execute as sentenzas contra todos os que ao seu redor os desprezan. Entón recoñecerán que eu son o Señor, o seu Deus.

**Tres oráculos de castigo contra Exipto**

**29** 1 O ano dez, o día doce do mes décimo, veume a palabra do Señor nestes termos: 2 –Fillo de Adán, dirixe a túa ollada cara ao Faraón, rei de Exipto, e profetiza contra el e contra todo o Exipto. 3 Fala e dille: Así fala o meu Señor, Iavé:

Velaquí, eu estou contra ti,
Faraón, rei de Exipto,
gran monstro, deitado
entre as canles do Nilo,
que di: "De min sae o meu Nilo,
e eu prodúzoo para min".
4 Porei dous ganchos nas túas
queixadas,
e apegarei os peixes do Nilo
ás túas escamas;
farei que subas do medio do Nilo,
e leves pegados todos os peixes do Nilo
nas túas escamas.
5 Arrastrareite ao deserto
a ti e a todos os peixes do Nilo;
morrerás sobre a superficie do campo,
sen que te recollan nin te enterren.
Poreite de pasto para os bechos
de debaixo da terra
e para os paxaros do ceo;
6 entón todos os habitantes de Exipto
recoñecerán que eu son o Señor.
Por seren eles un bastón de canivela,
para a casa de Israel,
7 cando ti os apertes coa túa man,
sentiraste débil
mais romperás ante eles todo apoio;
cando eles se apoien en ti, romperaste,
pero farás que todas as túas forzas
se restablezan para o ben deles.
8 Por isto así fala o meu Señor, Iavé:
Velaquí, vou traer a espada contra ti
e exterminar de ti homes e animais,
9 e o país de Exipto
volverase desolación e ruína.
Entón recoñeceredes que eu son o Señor.
Por dicires: "O Nilo sae de min,
eu son quen o fixen",
10 por isto, velaquí, eu estou contra ti
e contra o teu Nilo;
eu vou converter
o país de Exipto en ruínas,
nunha ruína desértica
desde a Torre das Caravanas
ata a fronteira de Etiopía.
11 Non o atravesará pé de home
nin casco de animal o cruzará;
nin será habitado durante corenta anos.
12 Converterei o país de Exipto
nunha desolación
maior ca os países que están desolados:
as súas cidades que foron arruinadas,
durante corenta anos.
Esparexerei a Exipto entre os pobos
e espallareino entre os países.

**28**, 25-26 Este oráculo salvífico, semellante ao anterior nas expresións, salienta o carácter salvífico da manifestación da santidade de Iavé, que traerá o castigo para os pagáns, e a salvación ao seu pobo, restaurando así a situación "primitiva", en cumprimento das promesas. Esta acción salvífica de Iavé ten a súa perspectiva universalista no recoñecemento dos propios pagáns.

**29**, 1-12 Esta sección, datada no xaneiro do 587, consta de tres oráculos de xuízo de castigo: vv 3-6a; 6b-9a; 9b-12. O primeiro e o terceiro presentan como acusación a autodivinización de Exipto (que se ten polo creador do Nilo), e como castigo, a súa morte e destrución (en linguaxe simbólica e real). O segundo oráculo presenta unha acusación que cadra coa circunstancia histórica: a pouca firmeza do apoio exipcio, en contraste coa estricta fidelidade de Xudá.

**29**, 3 *Monstro* (lit. "Tanim"): monstro mariño ou acuático. *De min sae.* Crían que dos monstros míticos saía a auga (cf Ap **12**, 15).

**29**, 4 Os *peixes* pegados ás *escamas* do monstro, son a poboación exipcia, que depende do Nilo e do faraón.

**29**, 5 A morte no deserto era considerada como o supremo desastre, ao quedar os ósos á intemperie.

**29**, 6 *Bastón de canivela* reflicte o apoio inseguro e fráxil, e refírese á insegura alianza con Exipto, que levou a Xudá á rebelión contra Babilonia.

**29**, 7 Este v. enfronta, en paralelismo antitético, a estricta fidelidade de Xudá á alianza con Exipto (que para Xudá é idolatría, pois aparta da fe exclusiva en Iavé) coa infidelidade de Exipto. *Forzas* (lit. "riles"), que aquí son a raíz das forzas, máis cá dos sentimentos.

**29**, 9b A afirmación resulta un intento de autodivinización, na que se basea o anuncio de castigo que segue (cf nota aos vv. 1-12).

**29**, 10 *Torre das Caravanas*. Hai que situala na "via maris", á entrada de Exipto.

**29**, 13-16 Oráculo salvífico, referido a Exipto. A salva-

### Oráculo salvífico para Exipto, subordinado a saúde espiritual de Israel

[13]Velaquí o que di o meu Señor, Iavé: Ao
cabo de corenta anos reunirei a Exipto de
entre os pobos a onde foi esparexido; [14]des-
te xeito cambiarei a sorte da catividade de
Exipto e fareinos volver ao país do Sur, a súa
terra de orixe, e formarán alí un reino hu-
milde, [15]que será máis humilde ca os outros
reinos; e non se volverá levantar contra os
outros pobos, fareino pequeno para que non
oprima aos demais pobos. [16]Exipto nunca
máis será para a casa de Israel a seguridade,
que fai lembrar a iniquidade de cando Israel
se volvía tras el, senón que a casa de Israel
recoñecerá que eu son o Señor, Iavé.

### Deus entrégalle Exipto a Nabucodonosor, en paga dos seus servizos

[17]O ano vinte e sete, o un do primeiro
mes, veume a palabra do Señor nestes ter-
mos: [18]–Fillo de Adán: Nabucodonosor, rei
de Babilonia, fixo traballar o seu exército en
dura campaña contra Tiro; todas as cabezas
quedaron peladas, e todos os ombreiros que-
daron sen pel; mais nin el nin o seu exército
sacarán proveito de Tiro, a pesar da campa-
ña que contra el fixeron. [19]Por isto, así fala
o meu Señor, Iavé: Velaquí, voulle entregar
o país de Exipto a Nabucodonosor, rei de
Babilonia, que collerá os tesouros de Exipto,
roubará as súas ganancias e arrebatará o seu
botín, e así terá salario para o seu exército.
[20]En paga da esforzada campaña que fixeron
contra Tiro, eu entregareilles o país de Exip-
to, pois fixérono por min, –é o meu Señor,
Iavé, quen o di–. [21]O día aquel medrará a pu-
xanza da casa de Israel, e a ti concedereiche
o poder abrir a boca no medio deles. Entón
recoñecerán que eu son o Señor.

### O día do Señor: oráculos de castigo contra Exipto

**30** [1]Veume a palabra do Señor nestes
termos: [2]–Fillo de Adán, profetiza e
di: Así fala o Señor, Iavé:

Facede esta lamentación:
Ai do día aquel!
[3]Chega o día,
chega o día do Señor!:
Será un día de nubeiros
será o instante das nacións!
[4]Unha espada penetrará en Exipto,
e o estremecemento
chegará ata Etiopía,
cando caian os acoitelados en Exipto;
arrebataranlle os seus tesouros,
e derrubaranlle os seus alicerces.
[5]Etiopía, Put, Lud e toda a Arabia,
Cub e xente do país aliado,
caerán mortos pola espada
xunto con eles.
[6]Así fala o Señor:
Caerán os que sosteñen a Exipto,
e derrubarase o seu orgulloso poder;
desde a Torre das Caravanas
todos caerán en Exipto
–é o meu Señor, Iavé, quen o di–.

[7]Exipto quedará máis desolado ca os paí-
ses desolados, e as súas cidades quedarán
máis arrasadas ca cidade ningunha. [8]E reco-
ñecerán que eu son o Señor, cando lle poña
lume a Exipto e sexan desbaratados todos os
que o axudan. [9]O día aquel sairán, en barcos,
mensaxeiros de onda min, para aterrorizar a
tranquila Etiopía; haberá angustia entre os
etíopes o día de Exipto, si, velaí chega!
[10]Así fala o meu Señor, Iavé:
Eu poreille fin á riqueza de Exipto,
por medio de Nabucodonosor,

ción de Exipto está subordinada á saúde de Israel, que non pedirá máis axuda a Exipto, porque este reino será humilde, e porque Israel verá en Exipto a man de Iavé.
**29**, 13 *Corenta anos*: período de aprendizaxe da revelación divina, como os corenta anos do Éxodo.
**29**, 17-21 Estes vv. conteñen un oráculo salvífico para Babilonia, motivado por un servizo aos plans de Deus de castigar a Tiro; e, xa que non conseguiron compensarse con Tiro, Iavé entrégalles Exipto. O oráculo, con todo, vén resultar unha promesa de salvación para Israel, que servirá de árbitro entre os dous pobos (v. 21). Deste xeito, o oráculo, salvífico para Babilonia, resulta tamén salvífico para Israel.
**29**, 17 A data do oráculo corresponde ao mes de marzo do ano 571, aínda que o seu cumprimento acontecerá no ano 568, segundo Xer **43**, 12.
**30**, 1-9 Esta sección consta de catro oráculos de castigo contra Exipto. Nos dous primeiros, o tema teolóxico é o *día do Señor,* que chega para Exipto e para a súa alianza (vv. 2-5); e o *día de Exipto,* día de castigo que está a chegar (vv. 6-9). Os dous últimos oráculos exprésanse en linguaxe máis directa, referíndose á invasión e saqueo de Exipto (vv. 10-12) e á destrución dos seus ídolos e das cidades importantes, centros de idolatría (vv. 13-19).
**30**, 2 *Lamentación:* non se refire a unha elexía, senón que é a imaxe dos berros no día da lamentación colectiva. O *día do Señor* é o día no que el fará xustiza e castigará as infidelidades. Non hai acusación de infidelidades concretas, ao ser oráculos de castigo, e non de xuízos de castigo.
**30**, 3 *Día de nubeiros* (cf Xon **2**, 2; Sof **1**, 15): de traxedia e castigo.
**30**, 6 *Torre das Caravanas:* cf nota a **29**, 10.
**30**, 8 O recoñecemento de Iavé salienta aquí o carácter salvífico para as nacións pagás, que se esconde no castigo divino.
**30**, 9 O *día aquel* é o día de Exipto, o día que lle chega ao Señor (v. 3): a etapa de castigo.

rei de Babilonia.
[11]El e mais as súas tropas con el,
as máis poderosas das nacións,
serán levados para destruír o país;
desenvaiñarán as súas espadas
contra Exipto,
e encherán o país de mortos.
[12]Farei un sequeiro dos Nilos,
e entregarei en venda o país
na man dos malvados,
por man de bárbaros arrasarei
o país e canto o enche.
Eu, o Señor, son quen falei.
[13]Así fala o meu Señor, Iavé:
Eu vou destruír os seus ídolos,
e facer desaparecer de Menfis
os deuses importantes,
e da capital de Exipto o príncipe,
que nunca máis volverá haber.
Imporei respecto sagrado
no país de Exipto.
[14]Destruirei o país do Sur,
poreille lume a Tanis
e executarei a sentenza contra Tebas.
[15]Desafogarei o meu noxo en Pelusio,
praza forte de Exipto;
e destruirei as riquezas de Tebas;
[16]prendereille lume a Exipto,
Pelusio retorcerase de dor,
e a muralla de Tebas estará para fender,
e Menfis terá o seu asedio no seu día.
[17]Os escollidos de One e de Pibéset
caerán a espada;
e as mulleres irán á catividade.
[18]En Tafnes deterase o día,
cando eu rompa alí os cetros de Exipto,
e se acabe nela o orgullo do seu poderío.
A ela cubriraa unha nube,
e as súas fillas irán á catividade.
[19]Entón eu executarei sentenza
contra Exipto,
e recoñecerán que eu son o Señor.

**O Señor dirixe os procesos históricos**

[20]O ano once, o sete do primeiro mes, veume a palabra do Señor nestes termos: [21]–Fillo de Adán, rompín o brazo do faraón, rei de Exipto, e velaquí que non está recomposto para pórlle medicamentos e aplicarlle vendaxes, non está atado nin colle forza para empuñar a espada.
[22]Por isto, así fala o meu Señor, Iavé:
Velaquí, eu estou
contra o faraón, rei de Exipto;
voulle romper os brazos,
o brazo san e mais o quebrado,
e vou facer caer a espada da súa man.
[23]Vou espallar a Exipto
entre as nacións,
e a dispersalo entre os países.
[24]Dareilles forza aos brazos
do rei de Babilonia,
e entregarei a miña espada na súa man;
pero romperei os brazos do faraón,
que lanzará diante del
xemidos de acoitelado.
[25]Farei fortes os brazos
do rei de Babilonia,
mentres que os brazos do faraón caerán;
recoñecerán que eu son o Señor
cando poña a miña espada na man
do rei de Babilonia,
para que a manexe
contra o país de Exipto.
[26]Dispersarei a Exipto entre as nacións,
e espallareino entre os países.
Entón recoñecerán que eu son o Señor.

**Grandeza, caída e lugar de Exipto**

**31** [1]O ano once, o primeiro día do mes terceiro, veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, dilles ao Faraón, rei de Exipto, e á súa tropa:
A quen te pareces na túa grandeza?
[3]A un cedro do Líbano,
de ramallada sombriza, impoñente altura,

**30**, 12 Os *Nilos:* en hebreo é un dual -Alto e Baixo Nilo-, o mesmo que pasa con Exipto (heb. "misráim"), e que dá pé a falar no v. 18 de "os cetros de Exipto".
**30**, 13 O triple paralelismo de *ídolos, deuses, príncipe,* subliña o carácter idolátrico do faraón.
**30**, 14 O *país do Sur* (lit. "Patros"): o Alto Exipto.
**30**, 17 *One* é a Heliópolis grega. *Pibéset* é a Bubastis grega, hoxe Basta.
**30**, 20-26 Este texto leva a data do mes de abril de 587, algúns meses antes da caída de Xerusalén. Con imaxes militares exprésase un oráculo de castigo contra o faraón Hofra, contrastado con outro de bendición para o rei de Babilonia (vv. 24-26).
**30**, 21 *Recomposto* (lit. "atado"). Non se refire ás vendaxes, senón a compor o brazo quebrado. O brazo é sinal e expresión de poder.
**30**, 25-26 A victoria de Nabucodonosor sobre Exipto será sinal da credibilidade do profeta e do recoñecemento de Iavé como dono dos destinos da historia.
**31** Ofrece unha data, que corresponde a maio de 587 (v. 1), quizais cando a desfeita do faraón Hofra, ao saír en defensa de Xerusalén sitiada. O texto presenta tres partes:
a) A grandeza do faraón compárase a un cedro alto, fermoso, divino (vv. 2-9). b) Unha lamentación, na que se descobre a súa culpabilidade e o castigo que o Señor lle inflixiu, que servirá de lección perpetua para outros reinos (vv. 10-14). c) O loito universal pola súa caída ao Abismo, para acabar co consolo das árbores do Edén pola súa caída (vv. 15-18).

as súas pólas están entre as nubes.
4As augas da chuvia fano medrar,
e as augas de baixo terra fano crecer,
a súa raizame camiña por todo o arredor
cara ás correntes de baixo terra,
que manda os seus regos
onda todas as árbores do campo.
5Por isto a súa altura supera a todas
as árbores do campo,
as súas pólas multiplicáronse,
o seu talo ensanchou,
ao lanzarse el onda as augas abundantes.
6Nas súas pólas aniñaban
todos os paxariños do ceo,
debaixo da súa ramallada parían
todos os animais do campo,
e á súa sombra descansaban
todos os pobos ricos.
7Que fermoso era coa súa grandura
e coa anchura da súa ramaxe!
Como alongaba as súas raíces
cara as augas abundantes!
8No xardín dos deuses os cedros
non eran máis altos ca el,
nin os cipreses se podían
comparar á súa ramaxe,
nin os plátanos eran
coma as súas ramas;
ningunha árbore do xardín dos deuses
se podía comparar con el na súa beleza.
9Espléndido o fixen,
coa abundancia da súa ramaxe,
Como lle tiñan envexa
todas as árbores do Edén,
que está no xardín dos deuses!

10Pois ben, así fala o meu Señor, Iavé:
Por ensoberbecerse da altura,
e por poñer a súa ramaxe entre as nubes,
e por gabárense
os seus pensamentos coa altura,
11eu entregueino ao poder
do xefe das nacións,
que o ha tratar conforme á súa maldade,
12Deixeino para que o corten os bárbaros,
os máis tiranos de entre os pobos,
e o abandonen no monte,
e as súas pólas caian
por todos os barrancos,
e a súa ramaxe sexa esnaquizada
polos máis valentes do mundo,
e todos os poderosos do mundo
saian da súa sombra e o rexeiten.
13Nas súas pólas caídas pousáronse
todos os paxariños do ceo
e todos os animais do campo
estiveron na súa ramaxe.
14Deste xeito ningunha árbore ben regada
se afagará coa altura,
nin porá a súa ramaxe entre as nubes,
nin ningunha árbore ben regada
se manterá firme na súa soberbia
fronte ás outras,
pois todas elas están destinadas á morte,
ás profundidades da terra,
a estaren cos fillos de Adán,
cos que baixan ao abismo.

15Así fala o meu Señor, Iavé: O día que o cedro baixou ao reino dos mortos, eu fixen que o abismo fixese loito por el, e que o cubrise: parei a súa corrente e detivéronse as augas caudalosas. Fixen que o Líbano se puxese de loito por el, e cubríronse de loito por el todas as árbores do campo. 16Fixen que co estrondo da súa caída se estremecesen as nacións, cando o fixen baixar ao reino dos mortos cos que baixaban ao abismo; consoláronse nas profundidades da terra todas as árbores do Edén, e o escollido e o mellor do Líbano, todas as árbores ben regadas de auga. 17Pois tamén baixaron elas xunto co cedro ao reino dos mortos, o exército dos atravesados pola espada e os xermolos do cedro, que vivían á súa sombra no medio das nacións. 18E, así, a quen te parecías en gloria e grandeza entre as árbores do Edén? Farante baixar xunto coas árbores do Edén ás profundidades da terra, e

**31**, 4 O semita pensa que a terra fluctúa sobre as augas do abismo.
**31**, 6 Coa imaxe do cedro, que acubilla os paxariños e outros animais, exprésase a protección de Exipto sobre moitos pobos.
**31**, 8 *Xardín dos deuses:* aínda que para o A. T. a morada de Iavé é o ceo (suxerindo así a transcendencia), recóllese tamén o tema mítico da morada dos deuses, da que aparecen restos en **28**, 13 e Xén **2**, 8-17.
**31**, 9 *Edén:* o xardín dos deuses (cf v. 8; **28**,13; Xén **2**, 8).
**31**, 10 Os *seus pensamentos* (lit. "o seu corazón"). A soberbia é o principal delito de Exipto na súa relación cos outros pobos.
**31**, 13 Pousarse *nas pólas caídas* significa aproveitarse deles, enriquecéndose a conta deles.
**31,** 14 Interesante teoloxía das relacións internacionais, deducida da caducidade de todo imperio.
**31**, 15 *Reino dos mortos* (heb. "xeol"), que equivale ao "hades" da mitoloxía grega. O abismo é o xeol; e, tanto para os gregos como para os semitas, ten correntes de auga no fondo.
**31**, 16 As *árbores do Edén.* Son os pobos destinados ao Abismo (cf v. 14), que sentirán o consolo da caída de Exipto.
**31**, 17 *Os xermolos do cedro* son aquí os exipcios que escaparon da morte por viviren noutros pobos.
**31**, 18 *No medio dos incircuncisos:* en Exipto practicábase a circuncisión.

deitaraste no medio dos incircuncisos, xunto
cos pasados pola espada. Tal será o faraón
e todo o seu exército –é o meu Señor, Iavé,
quen fala.

**Elexía polo faraón, crocodilo do Nilo**

**32** [1]O ano doce, no mes doce, o primeiro
do mes, veume a palabra do Señor nes-
tes termos: [2]–Fillo de Adán, entoa unha elexía
sobre o faraón, rei de Exipto, e dille:

Parecías o leonciño das nacións,
pero eras coma crocodilo
nas canles do Nilo,
a rebolos atoldabas a auga cos pés
e alodabas as correntes.
[3]Así fala o meu Señor, Iavé:
Estenderei sobre ti a miña rede:
cando se xunten as nacións populosas,
sacarante na miña rede varredora;
[4]botareite contra a terra,
e contra a superficie do chan
esnaquizareite,
farei pousar sobre ti
a todas as aves de rapina do ceo,
e farei que se farten de ti
todos os animais carnívoros da terra.
[5]Porei a túa carnaza sobre as montañas
e encherei os vales
da túa carne podrecida.
[6]Dareille de beber á terra,
verténdote a ti co teu sangue
sobre as montañas,
e os barrancos encheranse de ti.
[7]Cando ti te apagues, cubrirei o ceo
e porei de loito as súas estrelas,
o sol tapareino con nubes
e a lúa non alumará coa súa luz.
[8]A todos os astros luminosos
que hai no ceo,
poreinos de loito por ti,
e porei as tebras sobre a túa terra,
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
[9]Perturbarei o corazón dos pobos ricos,
cando leve os teus despoxos a nacións,
a países que non coñecedes.
[10]Farei que se sintan desolados
por ti os pobos ricos,
e aos seus reis poránselles
os pelos de punta por ti,
cando eu faga voar a miña espada
na súa presenza;
tremerán conturbados
cada un pola súa vida,
o día da túa caída.

[11]Pois así fala o meu Señor, Iavé:
Chegará sobre ti a espada
do rei de Babilonia,
[12]farei caer a túa tropa
por espadas de valentes,
que en conxunto forman
o máis tirano dos pobos:
eles arrasarán o orgullo de Exipto
e quedará devastada toda a súa tropa.
[13]Farei desaparecer
todos os seus animais
da presenza do caudaloso río,
e nin pé de home o volverá a alodar,
nin casco de animal o atoldará.
[14]Entón lanzarei ao abismo
as súas augas,
e farei correr os seus afluentes
de cor amarela
–é o meu Señor, Iavé quen fala–.
[15]Cando se converta o país de Exipto
nun deserto,

**32**, 1-16 Esta sección, datada en febreiro do 585, califícase como unha elexía sobre o faraón e sobre Exipto (vv. 2. 16), que será cantada cando Nabucodonosor fenda o orgullo de Exipto. Esta elexía é un canto ao futuro desastre anunciado e desencadeado polas palabras proféticas. Consta: a) Dunha introducción, na que se contrasta a aparencia do faraón como rei poderoso (león) e a súa realidade, un crocodilo perturbador que atolda as augas (v. 2). b) Segue despois unha primeira parte da elexía (vv. 3-10), na forma dun anuncio de castigo na que se describe a caza do crocodilo, a súa morte, o loito do ceo e da terra e o pavor dos pobos, por mor da caída de Exipto. c) Un segundo oráculo de castigo (vv. 11-15) continúa o anuncio de castigo anterior: castigo do orgullo de Exipto a mans do rei de Babilonia, dirixido polo Señor, e desolación do río (vv. 11-13); castigo do río que se volverá un río do abismo e infernal (v. 14) e desertización de Exipto (v. 15). d) Acaba o poema recollendo o tema da elexía, e formando así o v. 16 unha inclusión literaria co v. 2.

**32**, 2 *Crocodilo:* fera acuática, con caracteres da divindade mítica Iam.

**32**, 4-5 As alusións ás aves de rapina e aos animais carnívoros reflicten unha morte desastrosa e con aniquilación da personalidade, o que constituía para os gregos e semitas o máximo desastre (cf Ilíada I, 4-5).

**32**, 7-8 As referencias ao dó cósmico queren subliñar as profundas repercusións desta caída no mundo de entón (v 9), pois o cósmico forma un conxunto co humano.

**32**, 13 O *caudaloso río* designa a Exipto, subliñando o seu carácter maléfico e de perigo para a vida.

**32**, 14 *Lanzarei ao abismo* (heb. "farei baixar"), que, referido a un río, e segundo a concepción xeolóxica antiga, significa botar as súas augas ás correntes do abismo.

*Afluentes de cor amarela* (lit. "os seus brazos de río como amarelos"): referencia a un dos ríos do abismo, que, segundo Platón (Fedón 113), era de cor amarela, o "Lirifleguezón". En ugarítico, o termo "smn" ten o valor de "amarelo", e de aí debe provir o mito de Platón. Esta sección ofrécenos unha data posterior en quince días á da sección anterior (v. 17).

entón quedará despoxado
de todo o que o enche;
cando eu fira a todos os seus habitantes,
entón recoñecerán que eu son o Señor.
16Esta será a elexía que cantarán,
cantarana as cidades das nacións,
cantarana por Exipto
e por toda a súa tropa
–é o meu Señor, Iavé, quen fala.

**Lamentación profética sobre a baixada do faraón ao abismo**

17O ano doce, o quince do mesmo mes, veume a palabra do Señor nestes termos: 18–Fillo de Adán, entoa unha lamentación pola tropa de Exipto; fai baixar a tropa cos seus desexos de poder, e as cidades das nacións poderosas ata as profundidades da terra, xunto cos que baixan ao abismo. 19Foi acaso Exipto máis agraciado ca os máis? Pois anda vagabundo e cae xunto cos incircuncisos, 20que caen canda os acoitelados pola espada. Entréganse espadas que dispersan a Exipto e a toda a súa tropa. 21Un exército de valentes persegue a tropa de Exipto, persegue ata o medio do xeol os reforzos da tropa: os incircuncisos baixarán a descansar no abismo, acoitelados con espada. 22Alá está Asur e todo o seu exército, arredor da tropa de Exipto, arredor das súas sepulturas, todos eles acoitelados, caídos a espada. 23Pois a sepultura de Asur está posta no máis fondo do abismo, e o seu exército está arredor da súa sepultura; todos eles caeron acoitelados con espada, pois puxeron terror no mundo dos vivos. 24Alí está Elam e todas as súas tropas arredor da súa sepultura: todos eles caeron acoitelados con espada, e así baixaron incircuncisos ao profundo da terra, pois puxeron terror no mundo dos vivos; levaron a súa deshonra xunto cos que baixaban ao abismo. 25Entre os acoitelados puxéronlle o leito a Elam, con toda a súa tropa arredor do leito, arredor da súa sepultura. Todos eles foron incircuncisos, acoitelados con espada, pois o seu terror estendeuse polo mundo dos vivos; por isto levaron a súa deshonra xunto cos que baixaron ao abismo, e foron colocados entre os acoitelados.

26Alí está Méxec, Tubal e todo o seu exército arredor do leito, arredor da súa sepultura: todos eles incircuncisos, acoitelados con espada, pois estenderon o seu terror polo mundo dos vivos. 27Mais non están deitados xunto cos heroes que caeron separados dos incircuncisos e que baixaron ao xeol coas súas armaduras de guerra, que puxeron as súas espadas debaixo das súas cabezas e os seus escudos sobre os seus esqueletos, pois o terror dos heroes estendérase polo mundo dos vivos. 28Pero ti iraste descompoñendo entre incircuncisos e descansarás cos acoitelados con espada.

29Para alá van Edom, os seus reis e todos os seus príncipes, que coas súas poderosas mulleres foron sepultados xunto cos acoitelados con espada; eles mesmos descansan xunto cos incircuncisos e cos que baixan ao abismo.

30Para alá van os príncipes do Norte, todos eles e todos os sidonios, que, apartados das súas poderosas mulleres, polo seu propio terror baixaron ao abismo xunto cos acoitelados, e, incircuncisos, descansaron xunto cos acoitelados a espada; e levaron a súa deshonra xunto cos que baixaron ao abismo. 31Ao ver a estes, o faraón consolarase de toda a súa tropa, pois os mortos a espada son o faraón e todo o seu exército –é o meu Señor, Iavé, quen fala–. 32Pois eu deixei que provocase o terror no mundo dos vivos, para que o faraón e toda a súa tropa se deitase entre incircuncisos, cos acoitelados a espada –é o meu Señor, Iavé, quen fala.

**32**, 17-32 Desde o punto de vista literario, esta é unha lamentación que, co dinamismo da palabra profética, provocará a baixada do faraón e do seu exército ao abismo (v. 18). A lamentación vén demarcada pola inclusión literaria de Exipto e da súa baixada ao xeol (vv. 19-21 e 31-32). O corpo da lamentación contén cinco seccións, referidas a cinco pobos, dos que os xefes e tropa desapareceron e que serven de exemplo e tipo teolóxico: Asiria (vv. 22-23); Elam, situado ao NL do golfo pérsico e ao L de Babilonia (vv. 24-25). Méxec e Tubal: en Asia Menor, na rexión do Cáucaso (vv. 26-28); Edom (v. 29); os príncipes do Norte, os fenicios (v. 30). As frases repítense nas cinco seccións, subliñando a fatal sorte que lle espera a Exipto.

**32**, 21 *Incircuncisos,* ten aquí o valor teolóxico de infieis aos pactos (pois os exipcios circuncidábanse).

**32**, 22-23 O profeta ve a Exipto no abismo, rodeado do exército máis cruel que se podía imaxinar (por iso pono no fondo do abismo).

**32**, 25 O *leito.* Vén sendo a sepultura, o lugar do descanso despois da morte.

# PARÁBOLA DOS VIXÍAS

**Responsabilidade do profeta e do pobo**

**33** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, fálalles aos fillos do teu pobo e dilles: Se eu traio contra unha cidade un exército, a poboación da cidade colle a un dos seus e pono ao seu servizo como vixía; [3]e el, ao ver que vén o exército contra a cidade, toca o corno e avisa á poboación, [4]se alguén oe o toque do corno e non fai caso nin avisa, cando chegue o exército e o colla será responsable da propia vida. [5]Oíu o toque do corno e non pillou o aviso, é responsable do seu propio sangue. Quen colle o aviso salva a propia vida. [6]Pero se o vixía ve que vén o exército e non toca o corno, e a poboación non está avisada, se cando chega o exército mata a algún deles, este morre pola culpa súa, mais do sangue pediránselle contas ao vixía.

[7]Eh ti, fillo de Adán!: a ti constituínte vixía para a casa de Israel, vas escoitar da miña boca as palabras, e valos avisar da miña parte. [8]Cando eu lle diga ao malvado: "Malvado, vas morrer", se ti non lle falas para avisalo do seu destino, el, o malvado, morrerá pola súa culpa; pero a ti pediránseche contas do seu sangue. [9]Pero se ti avisas o malvado do seu destino para apartalo del, e el non cambia de conduta, el morrerá pola súa culpa pero ti salvarás a túa vida.

[10]Oe ti, fillo de Adán, dille á casa de Israel: Así vindes dicindo: "Velaquí, as nosas rebeldías e os nosos pecados están contra nós, e con eles estámonos a consumir: como poderemos seguir vivindo?". [11]Dilles, pola miña vida! –é o meu Señor, Iavé, quen fala– que non me dá gusto que morra o malvado, senón que o malvado se converta da súa conduta e viva. Convertédevos, cambiade a vosa conduta depravada! Por que queredes morrer, casa de Israel?

[12]Oe ti, fillo de Adán, dilles aos fillos do teu pobo: A xustiza do xusto non o salvará o día da súa rebeldía, e a maldade do malvado non o fará caer o día en que el se arrepinta da súa maldade; nin o xusto será capaz de vivir na súa xustiza o día do seu pecado. [13]Se eu lle digo ao xusto: "Certo que vivirás" e el, porque confía na súa xustiza, comete iniquidade, todas as súas obras xustas non se terán en conta, senón que, pola iniquidade que cometeu, por ela morrerá. [14]Cando eu lle digo ao malvado: "Certo que morrerás", pero logo el convértese do seu pecado, e practica o dereito e a xustiza, [15]devolve a fianza inxusta, restitúe o roubado, e compórtase conforme os preceptos de vida, de xeito que non comete iniquidade, ben certo que vivirá, non morrerá. [16]Todos os pecados que cometeu non se lle terán en conta; practicou o dereito e a xustiza, pois certo que vivirá. [17]Entón responderán os fillos do teu pobo: "Non é xusto o comportamento do Señor", cando é o comportamento deles o que non é xusto. [18]Cando o xusto se aparta da súa xustiza, e comete iniquidades, entón morre por culpa delas. [19]Cando o malvado se aparta das súas maldades e pon en práctica obras conforme o dereito e a xustiza, por mor destas obras é polo que el vive. [20]Vós dicides: "Non é xusto

**33**, 1-20 Este texto é unha parábola sobre a responsabilidade individual, tanto do profeta como de cada un dos membros do pobo, dependendo así a prosperidade do pobo dunha suma de responsabilidades individuais. Os vv. 2-3 presentan un feito da vida real: en perigo de ataque, ponse un vixía que avise; pero a eficacia da súa función depende da responsabilidade de cada membro do pobo (vv. 4-5), como da súa propia (v. 6). A aplicación da parábola segue unha orde cruzada: o profeta, como vixía posto por Deus, responde coa súa vida da fidelidade á súa misión de avisar o malvado (vv. 7-9); pero tamén cada membro do pobo é responsable da ruína da comunidade nacional (v. 10), que soamente se pode salvar mediante a conversión individual querida e pedida por Deus (v. 11). Os vv. 12-20 constitúen un desenvolvemento da responsabilidade individual ante a conversión asentada como principio no v. 12 e exposta segundo o estilo da "torah casuística sacerdotal" nos vv. 13-16. O v. 17 afronta unha falsa obxección do pobo, acusando o proceder de Deus como inxusto, ao esquecer o propio pasado. Nos vv. 18-19 responde o profeta á obxección, reafirmando os mesmos principios da morte –por mor da perversión do xusto– e da vida feliz –por mor da conversión do malvado–, para acabar contrapoñendo a acusación do pobo contra Deus ao xuízo divino segundo a responsabilidade individual.

**33**, 2 *Un exército:* lit. "unha espada"; pero aquí "espada" é colectivo, e, por metonimia, significa un exército.

**33**, 4-5 *Será responsable da propia vida:* lit. "o seu sangue sobre a súa cabeza". O sangue é a base e o sinónimo da vida; e a cabeza é asento da dirección e da responsabilidade das propias decisións.

**33**, 7 *Eh, ti!,* e *Oe ti!* (vv. 10-12), son expresións que marcan as diversas partes da aplicación da parábola.

**33**, 10 Na autoconfesión do pobo como pecadores móstranse as consecuencias destrutoras do pecado nos ámbitos persoal e social.

**33**, 11 A mensaxe teolóxica preséntase como irrevogable, ao poñer nela dobre énfase: a fórmula do xuramento, e a verificación de que vén de Iavé.

**33**, 13 O profeta ataca a falsa concepción da teoloxía dos méritos que levan a unha falsa seguridade e ao esquecemento das esixencias da xustiza de modo perenne.

**33**, 17 A doutrina tradicional dos méritos dos devanceiros, herdados polos fillos, é a dificultade que senten os destinatarios. *Comportamento:* lit. "camiño", "proceder"...

o comportamento do Señor". Pois eu xulgareivos a cada un, casa de Israel, conforme o seu comportamento.

### A terra non pertence aos que quedaron en Xudá

21O ano doce da nosa deportación, o día cinco do mes once, veu onda min un escapado de Xerusalén dicirme: "A cidade foi abatida". 22A man do Señor estivo sobre min a tarde aquela, antes de que chegase o escapado, e abriu a miña boca tan pronto como el chegou onda min pola mañá; abriuse a miña boca e non volvín estar mudo.

23Entón veume a palabra do Señor nestes termos: 24–Fillo de Adán, os habitantes desas ruínas sobre a terra de Israel andan falando deste xeito: "Se Abraham era un só e tomou posesión desta terra, canto máis a nós, que somos moitos, nos deron esta terra en posesión!".

25Por isto dilles: Así fala o meu Señor, Iavé: Vós andades facendo banquetes sobre o sangue vertido, levantando os vosos ollos cara os vosos ídolos e vertendo sangue, e ides ter en posesión esa terra? 26Vós mantédesvos firmes, confiados nas vosas espadas. Vós, mulleres, cometedes delitos abominables e cada un de vós, homes, profana a muller do seu próximo, e ides quedar en posesión desa terra?

27Dilles isto: Así fala o meu Señor, Iavé: Pola miña vida que os que estean nas ruínas caerán a espada, a quen estea no campo entregareino en pasto ás feras, e os que estean nas fortalezas e refuxios morrerán de peste. 28Eu converterei esa terra nunha soidade deserta, e acabaráselle o orgullo do seu poderío; os montes de Israel volverán ser un deserto sen que haxa quen pase por eles. 29E entón recoñecerán que eu son o Señor, cando converta esa terra nunha soidade desértica por mor de todas as abominacións que cometeron.

### Mala acollida da palabra profética

30–Oe ti, fillo de Adán, os fillos do teu pobo cánsanse falando de ti á beiriña das paredes, ás portas das casas, e din cada un ao seu veciño, deste xeito: "Imos escoitar cal é a palabra que nos vén da parte do Señor". 31Veñen onda ti como ás xuntanzas do pobo. Así os do meu pobo sentan na túa presenza; escoitan as túas palabras, pero cumprir, non as cumpren; coas súas bocas están facendo promesas de amor, pero os seus corazóns van tras as ganancias inxustas.32Velaquí, ti es coma un canto de promesas de amor, coma unha voz temperada e que se acompaña ben cun instrumento de corda. Escoitan as túas palabras, pero entre eles non hai quen as cumpra. 33Cando se cumpran –e velaquí que se están cumprindo– recoñecerán que hai un profeta no medio deles.

### Os pastores de Israel, o Pastor divino e o Pastor mesiánico

A. *Xuízo divino contra os pastores*

**34** 1Veume a palabra do Señor nestes termos: 2–Fillo de Adán, profetiza contra os pastores de Israel, profetiza e dilles: Pastores, así fala o Señor Deus:

Ai dos pastores de Israel
que se están apacentando a si mesmos!
Non é o rabaño o que teñen

**33**, 21-29 Despois da referencia á historia da caída de Xerusalén, e da indicación dun novo período profético (vv. 21-22), o profeta propón un problema teolóxico, importante para os desterrados: Quen é o pobo con dereito á herdanza das promesas? (v. 24). Xa Xer dera unha resposta, dez anos antes (cf Xer **29**, 1-23); mais Ez, na mesma liña teolóxica, converte a pregunta nunha acusación (vv. 25-26) e nun anuncio de castigo para os que quedan en Xudá (vv. 27-29).

**33**, 21 *O ano doce.* O texto grego e o siríaco sinalan o ano 11, que responde á cronoloxía exacta (do 598 ao 587); mais Ez, segundo o modo de contar dos caldeos, conta tamén a parte do ano no que aconteceu a deportación primeira. Aínda que para os caldeos o ano da coroación non se contaba na cronoloxía dos seus reis como o primeiro, senón como o ano da coroación, aquí non se trata de coroación, senón de estancia en Babilonia, e esa parte do ano 598 era o primeiro da deportación.

**33**, 22 *A man do Señor.* É o poder de Iavé, que se mostra ao profeta e que actúa mediante a súa palabra. Non é preciso pensar que o profeta estaba mudo: máis ben que comezou un novo período profético (cf **3**, 24; **24**, 27).

**33**, 24 A referencia a Abraham serve para reclamaren o dereito á posesión da terra os descendentes que viven nela, en vez de corresponderlles aos desterrados nas dúas deportacións do 598 e do 587.

**33**, 25 *Banquetes sobre o sangue vertido:* o sangue no A. T. é sempre sangue vertido. Esta práctica de banquetes sobre o sangue vertido, aparece como rito de nigromancia en Lev **19**, 26; 1 Sam **14**, 32.

**33**, 30-33 É difícil calificar literariamente estes vv. Certo que teñen acentos de acusación, pero non dirixida ao pobo. O profeta desvela as actitudes do pobo ante a palabra de Deus.

**33**, 31 *As xuntanzas do pobo.* Aínda que o xuntarse non é termo técnico da asemblea litúrxica, o texto fai pensar nas orixes dunha liturxia sinagogal profética, na que hai unhas promesas de fidelidade a Deus, que se han cumprir e uns anuncios salvíficos (promesas de amor), que apenas lle importan ao pobo. Nótese a antítese entre a boca (que promete falsamente amor) e o corazón (que se interesa polas ganancias inxustas). O texto é propio do exilio xa avanzado.

**34**, 1-31 Toda esta complexa unidade está enlazada polo tema do pastoreo, imaxe tradicional semítica e grega da realeza (cf Xer **2**, 8; **10**, 21...; Zac **10**, 3; **11**, 8 ... ; Xn **10**, lss).

que apacentar os pastores?
3Comédeslle a manteiga,
vestídesvos da súa la;
matades a res gorda,
pero o rabaño non o apacentades.
4Non fortalecestes a res débil
nin curastes a enferma,
nin vendastes a da pata partida;
nin fixestes volver a extraviada,
nin buscastes a perdida,
senón que as dominastes
e con que opresión!
5Espalláronse por falta de pastor
e convertéronse en pasto
de todas as feras do monte,
e como se descarreiraron!
6Andaron perdidas
as reses do meu rabaño
por todas as montañas,
por todos os altos outeiros;
e por toda a superficie da terra
erraron as reses do meu rabaño,
por falta de quen
lles seguise as pisadas
e por falta de quen as buscase.

7Por isto, pastores, escoitade a palabra do Señor: 8Pola miña vida! –é o meu Señor, Iavé, quen fala– por converterse o meu rabaño en presa e por ser o meu rabaño pasto de todas as feras do monte, por falta de pastor –pois os meus pastores non seguiron o rastro do meu rabaño, senón que os meus pastores se apacentaron a si mesmos, e o meu rabaño non o apacentaron–; 9por isto, pastores, escoitade a palabra do Señor: 10Así fala o meu Señor, Iavé: Vede, eu estou contra estes pastores: voulles reclamar a eles as reses do meu rabaño e retirarei o meu rabaño do seu poder, pois estes pastores non se volverán apacentar a si mesmos; vou salvar as miñas reses das bocas dos pastores, e non lles servirán máis de comida. 11Pois así fala o meu Señor, Iavé: Eu en persoa virei seguirlles as pisadas ás miñas reses e buscalas. 12O mesmo que mira o pastor polos años, o día en que el se atopa diante do rabaño dispersado, así eu vou mirar polas miñas reses, e vounas salvar, sacándoas de todos os sitios por onde se espallaron un día de nubes e escuridade.

13Vounas sacar de entre os pobos,
vounas reunir dos países,
e vounas facer volver á súa terra
e pastorealas nos montes de Israel,
nos vales e en todos os lugares
habitables do país.
14Fareinas pastar en bos pasteiros,
e nos montes do alto Israel
estarán as súas pradarías,
acougarán alí en boas camposas
e pastarán en pasteiros fértiles
nos montes de Israel.
15Eu mesmo apacentarei o meu rabaño,
e eu en persoa fareino acougar
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
16Buscarei a ovella perdida,
farei volver a extraviada,
vendarei a que ten a pata partida,
fortalecerei á feble,
mais farei que perezan a gorda e a forte.
Apacentarei o meu rabaño
conforme a xustiza.

B. *Xuízo divino entre as ovellas*

17Oíde vós, meu rabaño! Así fala o meu Señor, Iavé: Vede, eu vou xulgar entre ovella e ovella, entre carneiros e castróns. 18Aínda vos é pouco o pastardes o pasto mellor, que, por enriba, esmagades cos vosos pés o que vos sobra dos pastos? Aínda vos é pouco beberdes a auga clara, que, por enriba, cos

O texto comeza cun Ai! de acusación contra os malos pastores de Israel (= Xudá), onde non só hai que ver os reis individuais, senón tamén os dirixentes político-relixiosos, que se aproveitan do rabaño, extraviándoo. Este Ai! de acusación está relacionado cunha fórmula oracular que introduce un oráculo de xuízo de castigo (vv. 8-10). O anuncio de castigo para os pastores consiste en retirárlles o pastoreo das ovellas, mediante unha acción directa de Deus (v. 10c), preparándose deste xeito o oráculo salvífico dos vv. 11-16. No v. 17 encontramos un cambio: o xuízo divino diríxese aos problemas entre as ovellas do rabaño, e segue unha acusación (vv. 17-19), que acaba cun anuncio de xuízo de castigo (v. 20). No v. 21 seguen as acusacións con diversas imaxes pastoris, para acabar cun oráculo salvífico para o rabaño de Deus (vv. 22-31). Neste oráculo introdúcese o tema mesiánico: un pastor único, David, que será o instrumento divino da concreción da alianza de Deus co seu pobo, e que traerá a alianza de paz e bendición.

**34**, 3 *Manteiga* (lit. "leite"). Por mor do paralelismo con "lá", hai que ler "halab" (= leite), e non "héleb" (= graxa).
**34**, 6 A referencia ás montañas e outeiros deixa entrever o extravío idolátrico propio dos santuarios situados nos altos.
**34**, 11 *Eu en persoa:* quere ser traducción dunha expresión fortemente enfatizante que indica a primacía da acción divina no feito salvífico.
**34**, 13 Este v. expresa ás claras o que o v. 12 presenta en imaxes pastoris, sinal de que a deportación do ano 587 e a fuxida xa aconteceran.
**34**, 16 A contraposición da ovella feble coa forte e mantida, prepara a sección do xuízo entre as ovellas. As versións antigas fan paráfrases interpretativas que non cadran co contexto.
**34**, 18-19 As desigualdades entre os membros do pobo da Alianza levan á profanación da mesma, polo que se fará unha nova (vv. 24-31).

vosos pés alodades a que vos sobra? [19]E logo as ovellas do meu rabaño teñen que pacer do estragado polos vosos pés, e teñen que beber o alodado cos vosos pés.

[20]Por iso, así lles fala o meu Señor, Iavé: Velaquí, eu mesmo en persoa vou ditar sentenza entre as reses gordas e as reses fracas. [21]Xa que empurrastes de lado no lombo, e turrastes cos vosos cornos contra todas as débiles ata que as fixestes espallar por fóra do pasteiro, [22]por isto eu vou salvar o meu rabaño, para que non volva servir de presa, e vou ditar sentenza entre ovella e ovella. [23]Vou suscitar á fronte deles un pastor único, que os apacente: será o meu servo David; el mesmo os apacentará: el en persoa será para eles o seu pastor. [24]Eu, o Señor, serei para eles o seu Deus, e o meu servo David será príncipe no medio deles –son eu o Señor, quen o dixen–. [25]Pactarei con eles unha alianza de paz, e farei desaparecer do país os animais feroces, para que poidan vivir con tranquilidade no deserto, e adormecer na foresta.

[26]Entón farei deles e do que hai arredor do meu monte unha bendición, e farei baixar a chuvia no seu tempo e serán chuvias de bendición. [27]As árbores do campo darán froito e a terra dará a súa colleita; estarán na súa terriña con tranquilidade. Entón recoñecerán que eu son o Señor, cando rompa as cangallas do seu xugo e os libre do poder dos que os están escravizando. [28]Nunca máis volverán servir de botín para as nacións nin as feras do país os devorarán, senón que vivirán na tranquilidade sen que ninguén lles meta medo. [29]Eu fareinos medrar nun plantío de sona e xa non volverá haber no país mortos de fame nin volverán soportar a vergonza das outras nacións. [30]Entón recoñecerán que eu, o Señor, son o seu Deus, que estou con eles, e que eles son o meu pobo, a casa de Israel –é o meu Señor, Iavé, quen fala–. [31]Vós seredes o meu rabaño, o rabaño dos pastos da miña terra seredes vós. Eu serei o voso Deus –é o meu Señor, Iavé, quen fala.

### Oráculos de xuízo de castigo para o monte Seir e oráculos salvíficos para os montes de Israel

**35** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, dirixe a túa mirada cara ao monte Seir e profetiza contra el: [3]Así fala o meu Señor, Iavé:

Velaquí estou contra ti, monte Seir,
e estendo contra ti a miña man;
voute converter en desolación e soidade.
[4]E as túas cidades
convertereinas en ruínas,
e ti serás unha desolación.
Entón recoñecerás que eu son o Señor.

[5]Por manteres aversión perpetua e por atacares os fillos de Israel coa forza da espada no tempo do seu desastre, no tempo en que a súa iniquidade chegou á fin, [6]pois ben,

**34**, 21-22 As reses gordas botan as outras fóra do pasteiro; pero son estas -as que serven de presa, as máis fracasas que constitúen o rabaño do Señor. Exprésase así en imaxes a pertenza dos pobres ao reino mesiánico (v. 23).
**34**, 23 O rabaño de Deus precisa dun pastor único: David. Será un descendente seu -Xesús-, quen pastoree o reino mesiánico.
**34**, 24 Trátase de poñer en relación a alianza entre Deus e o pobo co rei mesiánico, que vincula o pobo entre si e con Deus. Estas funcións realízanse en plenitude, por medio de Xesús, morto e resucitado.
**34**, 25 *Alianza de paz.* O termo *xalom*, ademais da paz, expresa a fartura e a plenitude tranquila de Deus. Por iso, poderiamos traducir tamén "Alianza perfecta", que inclúe a bendición dos vv. 26-29.
O *deserto* ten aquí sentido de descampado, pois a imaxe pastoril continúa.
**34**, 27 A imaxe dos cancís do xugo alude á sumisión a outro país, expresada no pago dos tributos (cf v. 28).
**34**, 30 A realidade nova creada por Deus será motivo do recoñecemento de Iavé como Deus da alianza. *Que estou con eles:* expresión da axuda eficaz e protectora de Iavé.
**34**, 31 *Da miña terra:* non debemos imitar aquí aos LXX, suprimindo o termo: debemos ler "adamah", equivalente á superficie de terra cultivable.
**35**, 1-**36**, 15 Estes textos constitúen unha unidade redaccional, pois os oráculos contra as nacións pagás nunha sección de oráculos salvíficos dirixidos a Israel, teñen a función de servir de contraste (como pode verse en **36**, 2. 3. 5). No c. **35** encontramos catro oráculos contra Edom, acabados todos eles coa fórmula de recoñecemento de Iavé: o primeiro (vv. 2-4) -un oráculo de castigo-, fai de introducción; o segundo (vv. 5-9) é un oráculo de xuízo de castigo, acusando a Edom de iniquidade contra Israel e de colaboración cos babilonios na caída de Xerusalén. O terceiro (vv. 10-12a) é outro oráculo de xuízo de castigo, no que se acusa a Edom de plans anexionistas dos dous pobos (Israel e Xudá), aínda que soamente ocuparon os edomitas o sur de Xudá (a Idumea do N. T.). O cuarto (vv. 12b-15) é outro oráculo de xuízo de castigo, no que Edom xustifica os seus dereitos á posesión de Xudá e Israel (v. 12). No v. 15 aparecen en contraste Edom e Israel, anticipando a función que se lles dará máis adiante a estes oráculos de xuízo de castigo (**36**, 2. 3. 5). A perícope **36**, 1-15 está constituída por dous oráculos salvíficos (vv. 6-11 e 12-15), que rematan ámbolos dous cunha fórmula de recoñecemento do Señor.
**35**, 2 *A túa mirada:* lit. "a túa cara", como expresión de valoración negativa e de condena.
**35**, 3 *A miña man:* expresión do poder divino que vai actuar contra Edom, nación representada polo monte Seir.
**35**, 5 *Aversión perpetua:* referencia á inimizade entre Esaú e Xacob (cf Xén **25**, 23-24; **27**, 41-42), que continuou nos descendentes (cf Sal **137**, 7; Am **1**, 11).
**35**, 6 *Grande sangría.* Refírese á matanza de xudeus cando a caída de Xerusalén no 587. Úsase o presente profético, con valor de pasado.

pola miña vida! –é o meu Señor, Iavé, quen
fala–, deixo que ti fagas grande sangría, pero
o sangue perseguirate. Certo que aborreces
a sangradura? Pois o sangue perseguirate.
7Converterei o monte Seir en desolación
e soidade, e retirarei del a quen alí vai e a
quen de alí vén. 8Encherei os seus montes cos
acoitelados; nos teus outeiros e petoutos e en
todas as túas veigas caerán os acoitelados
pola espada. 9Convertereite en desolación
perpetua e as túas cidades non serán habita-
das. Entón recoñeceredes que eu son o Señor.
10Por dicires: "O que resulte dos dous po-
bos, e o que resulte dos dous países será para
min, recibirémolo en herdanza", cando era o
Señor quen estaba alí, 11por isto, pola miña
vida! –é o meu Señor, Iavé, quen fala–, que
obrarei conforme a túa ira e conforme o furor
que ti, levado do teu odio, exerciches contra
eles, e serei recoñecido por eles polo xeito
como te xulgarei. 12Entón ti recoñecerás que
eu son o Señor.

Escoitei todos os desprezos que ti dicías
contra os montes de Israel: "Son unha deso-
lación: fóronnos dados a nós para os devo-
rarmos". 13Encoraxástesvos contra min pola
vosa boca, e inzaron máis da conta as vosas
palabras contra min, e eu estábao oíndo.

14Así fala o meu Señor, Iavé:
Xa que todo o país está alegre,
eu voute converter nunha desolación.
15O mesmo que te alegraches
da herdanza da casa de Israel
por volverse unha desolación,
o mesmo farei contigo:
serás unha desolación, monte Seir,
e todo o Edom, todo enteiro.
Entón recoñecerán que eu son o Señor.

**36** 1–Fillo de Adán, profetiza sobre os
montes de Israel e di: Montes de Is-
rael, escoitade a palabra do Señor: 2Así fala o
meu Señor, Iavé:
Por diciren os vosos inimigos:
"Que ben! O outeiro perpetuo
queda para nós en posesión",
3por iso, profetiza e di:
Así fala o meu Señor, Iavé:
Xa que de propio intento vos desolaron
e vos esmagaron por todo o arredor,
para que vós fósedes posesión
do resto dos pobos,
e xa que andastes nas linguas difamadoras
e calumniadoras dos pobos,
4por iso, montes de Israel,
escoitade a palabra do meu Señor, Iavé:
Así lles fala o meu Señor, Iavé,
aos montes e aos outeiros,
ás veigas e aos vales,
ás ruínas desoladas
e ás cidades abandonadas,
que serviron de botín e de escarnio
ao refugallo dos pobos do arredor:
5Ben certo que así fala o meu Señor, Iavé:
Xuro que no incendio dos meus celos
falei contra o resto dos pobos
e contra todo o Edom,
porque lles entregaron
a miña terra en posesión
con alegría de todos os corazóns
e con desprezo de todo anhelo lexítimo,
xa que a superficie da miña terra
lles servía de botín.
6Si, profetiza acerca da terra de Israel
e dilles aos montes e aos outeiros,
ás varcias e aos vales:
Así fala o meu Señor, Iavé:
Velaquí: nos meus celos e na miña ira
dixen que cargásedes coa vergonza
que vos causaron as nacións.
7Mais así fala o meu Señor, Iavé:
Eu xuro coa miña man levantada
que as nacións que están ao voso arredor,
elas cargarán coa súa ignominia.
8E vós, montes de Israel,
floreceredes as vosas pólas
e darédeslles os vosos froitos
ao meu pobo Israel,
porque el está para chegar.
9Pois sabede que eu vou cara a vós
e me volvo cara a vós:
seredes traballados e seredes sementados.
10Multiplicarei sobre vós a poboación
da casa de Israel, toda ela,
e as cidades serán habitadas
e as ruínas serán reconstruídas.
11Multiplicarei sobre vós

**35**, 10 O *que resulte dos dous pobos*. Despois da caída de Xerusalén, Edom sentíase con dereito a herdar as terras de seus irmáns Xudá e Israel.
**35**, 12 *Fóronnos dados a nós*. Emprégase a pasiva, para non pronunciar o nome de Deus. Equivale a "Deus entregóunolos".
**36**, 2 O *outeiro perpetuo:* o monte Sión, antigo santuario iebuseo (Xén **14**, 17ss), e logo santuario da cidade de David e morada única de Iavé.
**36**, 5 O *incendio dos meus celos:* os celos de Deus polo seu pobo vólvense aquí contra os pobos pagáns que os escravizaron. *Alegría de todos os corazóns:* entre os vencedores do ano 587 trázanse alegremente plans sobre Xudá e Israel, desprezando os lexítimos anceios dos xudeus sometidos.
**36**, 7 A *man levantada* é unha expresión do poder omnímodo de Iavé, que se anuncia con xuramento.
**36**, 8s A presenza de Iavé nos montes de Israel é a razón última de seren traballados e de que dean abondosas colleitas, que levarán ao aumento da poboación.

a poboación e o gando
que se multiplicará e dará crías,
e fareivos habitar
coma noutros tempos vosos,
e fareivos mellores ca nos vosos comezos.
Entón recoñeceredes que eu son o Señor.
[12]E farei camiñar sobre vós
unha poboación, o meu pobo Israel;
eles apoderaranse de ti
e ti volveraste herdanza deles
e nunca máis os volverás privar de fillos.
[13]Así fala o meu Señor, Iavé:
Porque dixeron de vós:
"Ti es quen devora a poboación,
ti es a que deixa sen fillos ao teu pobo".
[14]Por isto, non volverás
devorar o teu pobo,
nin o volverás deixar sen fillos
–é o meu Señor, Iavé, quen fala–.
[15]Eu farei que non se volvan oír as burlas
entre as nacións contra ti,
e ti non volverás soportar
os insultos dos pobos,
e o teu pobo non volverá
quedar sen fillos
–é o meu Señor, Iavé, quen fala.

### Teoloxía da historia en perspectiva salvífica: o santo Nome do Señor

[16]Veume a palabra do Señor nestes termos:
[17]–Fillo de Adán, cando a casa de Israel habitaba na súa terra, volvérona impura co seu comportamento e cos seus feitos; o seu comportamento foi na miña presenza como a impureza dunha muller na menstruación. [18]Mais eu desafoguei o meu noxo neles polo sangue que verteron sobre a terra, e polos feitos cos que a mancharon. [19]Entón eu esparexinos por entre os pobos e dispersáronse polos países; xulgueinos conforme o seu comportamento e conforme os seus feitos. [20]Ao entraren nas nacións onde foron, profanaron o meu santo Nome, e dicíase deles: "Estes son o pobo do Señor, e tiveron que saír da terra del". [21]Entón eu tiven consideración co meu santo Nome, o que profanara a casa de Israel entre os pobos onde fora. [22]Por isto, dille á casa de Israel: Así fala o meu Señor, Iavé: Casa de Israel, non por vós vou eu actuar, senón por mor do meu santo Nome, que vós profanastes entre as nacións onde fostes. [23]Pois vou facer que se recoñeza a santidade do meu grande Nome, profanado entre as nacións nas que vós o profanastes. Entón recoñecerán estas nacións que eu son o Señor –é o meu Señor, Iavé, quen fala–, cando eu vos faga recoñecer a miña santidade na súa presenza. [24]Pois recollereivos das nacións, xuntareivos de todos os países e traereivos á vosa terra. [25]Asperxerei sobre vós auga purificadora e quedaredes puros; de todas as vosas impurezas e de todas as vosas idolatrías heivos purificar. [26]Dareivos un corazón novo e porei nas vosas entrañas un espírito novo; sacarei da vosa carne o corazón de pedra e poreivos un corazón de carne. [27]Porei nas vosas entrañas o

**36**, 12 Aínda que Israel ten xénero masculino (o nome teolóxico de Xacob), represéntase aquí como unha muller que non privará de fillos ao pobo de Deus.
**36**, 16-38 Este texto consta dunha reflexión teolóxica sobre a historia do desterro e das motivacións que ten Iavé para a restauración (vv. 17-21), e de tres oráculos salvíficos (vv. 22-32. 33-36. 37-38). Aínda que moitos autores relacionan este texto coa sección anterior, a falta de referencias a Edom aconsella consideralo independente.
**36**, 17-19 A acusación do v. 17 e o anuncio de castigo do v. 18 non son tales, ao tratarse de verbos en tempo pasado, cos que se quere expresar un xuízo teolóxico da actuación de Deus co seu pobo.
**36**, 20 De feito non son os desterrados os que profanan o Nome de Iavé, senón que son a causa de que os xentís o profanen. O *santo Nome* de Iavé: o Nome é, para o semita, a esencia da persoa. Por isto designa aquí a máis íntima realidade persoal de Deus, e ten que ser a motivación última de todas as actuacións de Deus. O calificativo de "Santo" fai referencia á busca divina da verdadeira experiencia relixiosa do home, na que se dá o dobre movemento de temor sagrado ante o transcendente e de atracción transformante da persoa, ao recoñecer a santidade do gran Nome (v. 23).
**36**, 22 *Non por vós*. A motivación última do obrar divino nunca pode ser a criatura, o que suporía o carácter absoluto do creado: pero, a un nivel máis inmediato, a criatura é a motivación do obrar divino e do seu amor, aínda que sempre exista en Deus a finalidade de transformación do home segundo a súa imaxe.
**36**, 24 Na restauración divina duns homes espallados polo mundo (Asiria, Babilonia, Palestina, Exipto), a primeira acción divina é a de reunilos na terra das promesas aos patriarcas, pois sen terra non hai pobo.
**36**, 25 *Asperxerei*: expresión cultual referida ao sangue dos sacrificios (cf Lev **1**, 5. 11 ; Ez **43**, 18). Nun sentido espiritual, cf Heb **10**, 22; **12**, 24; 1 Ped **1**, 2. *Auga purificadora*: para o profeta a vida comunícase pola renovación interior (vv. 26-27). O ritual de purificación redúcese a eliminar as *impurezas* dos cultos idolátricos.
**36**, 26-27 A renovación interior exprésase coa transmisión dunhas intencións e ideais superiores ("novo" expresa en heb. unha cualidade superior, e non algo simplemente recente). As entrañas recibirán unha forza renovadora que vén do espírito de Deus (*rúah*). A carne -raíz do pracer e dos desexos de felicidade- recibirá azos, ao mesmo tempo que lle desaparecerán as actitudes de insensibilidade (corazón de pedra). Esta transformación interior só se dará plenamente pola fe en Xesús de Nazaret. O espírito, como categoría antropolóxica, reside nos ósos (Ecl **11**, 5), pero abre á persoa á comunicación con outros espíritos, polo que Deus pon o seu Espírito nos sentimentos humanos, de xeito que o home poida ser fiel aos compromisos da alianza.

meu espírito e farei que camiñedes conforme
os meus preceptos e que gardedes os meus
mandamentos e os cumprades. 28Viviredes no
país que lles dei a vosos pais: seredes o meu
pobo e eu serei o voso Deus. 29Librareivos
de todas as impurezas, chamarei polo pan, e
farei que o haxa abondo: non vos impoñerei
a fame. 30Farei que abunden os froitos das
árbores e os produtos dos campos, para que
non volvades recibir de parte das nacións o
desprezo de pasar fame. 31Ao lembrarvos do
voso comportamento perverso e dos vosos
feitos nada bos, sentiredes noxo en vós mes-
mos das vosas iniquidades e das vosas abo-
minacións. 32Que vos quede sabido que non é
por vós que eu vou actuar; sentide a vergonza
e a confusión do voso comportamento, casa
de Israel 33Así fala o meu Señor, Iavé: O día
que vos purifique das vosas iniquidades, farei
que as cidades se habiten e que as ruínas se
reconstrúan.

34O país que estea desolado será traballado
despois de estar ermo, á vista de todos os que
o cruzaban.

35Velaquí o que estes dicían:
"O país este, antes desolado,
é agora coma o xardín do Edén;
e as cidades, arruinadas,
desoladas e esborralladas,
son agora fortalezas inaccesibles".
36As nacións que queden ao voso redor
recoñecerán que eu son o Señor,
que reconstrúo o esborrallado
e replanto o desolado,
eu o Señor, díxeno e fareino.
37Así fala o meu Señor, Iavé:
Volverei deixar
que me busquen para isto,
para lles facer ben;
multiplicareinos
coma un rabaño humano.
38Coma os rabaños do templo,
coma os rabaños de Xerusalén
na súa asemblea pola festa,
así as cidades arruinadas
estarán cheas de rabaños humanos.
Entón recoñecerán que eu son o Señor.

### O Espírito do Señor fai revivir os ósos resecos

**37** 1A man do Señor pousou sobre min e
fíxome saír coa forza do seu espírito, e
púxome no medio do val, que estaba cheo de
ósos. 2Fíxome pasar ante eles dando voltas: e
velaquí que había moitísimos enriba do val,
e estaban totalmente resecos. 3Entón díxome:
–Fillo de Adán, poderán revivir estes ósos?

Eu repuxen: –Señor, Iavé, ti sábelo.

4Logo díxome: –Pronuncia un oráculo so-
bre estes ósos e dilles: Ósos resecos, escoitade
a palabra do Señor: 5Así lles fala o meu Señor,
Iavé, a estes ósos: Velaquí: vou traer sobre vós
o alento e reviviredes. 6Porei sobre vós ten-
dóns e farei que criedes carne; cubrireivos con
pel, porei en vós o alento, e reviviredes. Entón
recoñeceredes que eu son o Señor.

7Eu pronunciei o oráculo tal como se me
mandara; e mentres eu pronunciaba o orá-

**36**, 28 *Viviredes*: a felicidade do home depende da fidelidade á lei da alianza, que o leva á posesión da terra.
**36**, 29 A purificación interior das impurezas (= idolatrías) leva consigo recibir de Deus abondosos alimentos, pois non hai felicidade con fame.
**36**, 31 Refírese á conducta contra á lei (cf **20**, 43).
**36**, 32 Este v. fai inclusión literaria co v. 12, pechando o oráculo.
**36**, 33-36 Este oráculo é un desenvolvemento do anterior nos aspectos de reconstrución das cidades antigas e da volta ao cultivo das terras, de onde xurdirá o recoñecemento de Iavé como o restaurador do seu pobo, entre as nacións coas que este convive.
**36**, 37-38 Este oráculo trata da restauración humana da poboación, que é concibida como unha comunidade cúltica que "busca a Iavé" mediante a súplica, o culto e a reflexión meditativa. As cidades repoboadas compáranse cos rabaños sacrificiais.
**37**, 1-14 Representación simbólica da situación espiritual dos desterrados (vv. 1-2), dos que as posibilidades de vida feliz se poñen en dúbida (v. 3). Dous oráculos divinos (vv. 4-6 e 8) fan revivir a situación esmorecente da comunidade exílica. O v. 11 explica e aplica a representación simbólica á situación dos desterrados, tratando de revitalizala mediante un oráculo reanimador (vv. 12-14). O home aparece como un todo que se expresa polos diferentes elementos que o constitúen: *os ósos,* sede do espírito humano (Ecl **11**, 9), que abren o home á comunicación vivificadora co Espírito de Deus e con outros espíritos, ao mesmo tempo que son sede da esperanza de vida plena; *a carne,* asento da felicidade do home; *os tendóns,* raíz e instrumentos da mobilidade e da actividade; *a pel,* base do esplendor externo; a comunicación do Espírito de Deus (vv. 9-10) que lle dá a todo o conxunto humano mobilidade e tensión, cara á busca dunha vida feliz. Aínda que o texto non se refire á resurrección corporal, os presupostos antropolóxicos nos que se funda supoñen e explican a mesma.
**37**, 1 *A man do Señor*: o poder de Deus -posto en paralelo co Espírito do Señor-, que saca ao profeta da súa casa e lle fai comprender a situación en que vive o pobo. O *val,* segundo **3**, 22, é o lugar onde viven os desterrados a carón do río Quebar.
**37**, 2 Os ósos *resecos* expresan as mínimas posibilidades de esperanza dunha vida feliz.
**37**, 3 *Revivir*: no v. 12 a vida dos desterrados considérase como a duns cadáveres sepultados. As amarguras da vida poñen o home na sepultura, aínda que siga andando polo mundo.
**37**, 4-5 Os *ósos resecos,* por teren o espírito humano, poden recibir a forza vivificadora do Espírito do Señor.
**37**, 7 *O trono* e mailo *terremoto* son expresións teofánicas. Intentan resaltar que, na comunicación oracular, se fai presente a acción vivificadora do Espírito de Iavé.

culo, houbo un trono e logo un terremoto, e os ósos xuntáronse cada un co seu compañeiro. [8]Logo ollei e vin que sobre eles había tendóns, a carne ía medrando e a pel íaselles estendendo por riba. Mais non había neles alento.

[9]Logo díxome: –Pronúncialle un oráculo ao espírito, pronúnciao, fillo de Adán, e dille ao espírito: Así fala o meu Señor, Iavé: Desde os catro ventos, ven, espírito, e sopra nestes cadáveres, para que revivan.

[10]Eu pronunciei o oráculo, conforme me mandara. Entón o espírito entrou neles, e reviviron, e tíñanse de pé sobre as súas pernas: era un exército enormemente grande.

[11]Entón díxome: –Fillo de Adán, estes ósos son a casa de Israel enteira. Velaquí o que din: os nosos ósos están resecos, a nosa esperanza está perdida; estamos esnaquizados. [12]Por iso profetiza e dilles: Así fala o meu Señor, Iavé: Velaquí que eu vou abrir as vosas sepulturas, e vouvos facer subir das vosas sepulturas, meu pobo, e vouvos levar á terra de Israel. [13]Recoñeceredes que eu son o Señor, cando eu abra as vosas sepulturas, e cando vos faga subir das vosas sepulturas, meu pobo. [14]Vou pór en vós o meu espírito e vouvos facer revivir na vosa terra. Así recoñeceredes que eu, o Señor, o digo e o fago –é o Señor quen fala.

### Xesto simbólico da unión dos dous paus

[15]Veume a palabra do Señor nestes termos: [16]–Oe ti, fillo de Adán, colle un pau e escribe nel "Xudá e os fillos de Israel, os seus aliados"; logo colle outro pau e escribe nel "Xosé, pai de Efraím e toda a casa de Israel, os seus aliados". [17]E que alguén chos empate un co outro para que formen un só pau e dos dous resulte na túa man un só pau. [18]Cando che digan os fillos do teu pobo: "Non nos explicas que queren dicir para ti estas cousas?", [19]respóndelles: –Así fala o meu Señor, Iavé: Velaí que eu vou coller o pau de Xosé, que está na man de Efraím, e os cetros de Israel, os seus compañeiros, e poreinos sobre o cetro de Xosé, xunto co pau de Xudá, e convertereinos nun só pau, para que resulten un só pau, para que resulten un só na miña man. [20]Os dous paus nos que escribas teralos na túa man á vista deles, [21]e hasslles dicir: Así fala o meu Señor, Iavé: Sabede que eu recollerei os fillos de Israel de entre os pobos onde marcharon, xuntareinos do arredor, e traereinos á súa terra. [22]Convertereinos en nación única no seu país, nos montes de Israel, e un único rei fará de rei para todos eles, e ese pobo non se volverá converter en dous, nin se volverá dividir en dous reinos endexamais. [23]E nunca máis se volverán manchar cos seus ídolos, nin coas súas abominacións, nin con todos os seus pecados, senón que os librarei de todos os lugares onde viven, nos que pecaron. Purificareinos e serán para min o meu pobo, e eu serei para eles o seu Deus.

[24]E o meu servidor David será o seu rei, o pastor único de todos eles, e camiñarán conforme as miñas leis, gardarán os meus preceptos e cumpriranos. [25]Entón habitarán no país que eu lle dei ao meu servidor Xacob,

**37**, 8 *Non había neles alento* (lit. "espírito"). Trátase aquí da forza que provén de Deus, que pon en movemento ao home e que o move cara á felicidade.

**37**, 9 *Desde os catro ventos* (lit. "catro espíritos"). Xogo de palabras que quere subliñar o carácter dinámico da manifestación do Espírito, que é o Espírito de Iavé. Os ventos que se reclaman, son os dos catro puntos cardinais (vivificadores), pois os das esquinas (NO, SO, ... ) son maléficos.

**37**, 11 Nótese o paralelismo e sinonimia de "ósos" con "esperanza" (cf nota aos vv. 1-14).

**37**, 12-14 As esperanzas de vida feliz inclúen a presenza na propia terra, o que equivale á liberdade política, con institucións propias e monarquía única (vv. 15-28).

**37**, 15-28 Desde o punto de vista literario, este texto é un xesto simbólico da unión de dous paus (vv. 15-17); o pobo tentará coñecer o seu sentido (v. 18). Segue o oráculo explicativo da unión dos reinos de Xudá e Israel (v. 19). O v. 20 é un desenvolvemento da acción simbólica: os dous paus, na man do profeta, que vai proclamar o oráculo salvífico. Os vv. 21-23 resaltan a protección e enfortecemento divino en favor do seu pobo, que terá un único rei, David (vv. 24-25), e que vivirá no país das promesas como consecuencia da alianza perfecta e eterna (v. 26). Os vv. 27-28 desenvolven o tema do outro sinal da alianza con Deus: o santuario.

**37**, 16 *Xosé, pai de Efraím.* Efraím e Menaxés, fillos de Xosé, constitúen dúas tribos do Reino do Norte; e, estando as dúas no sitio de Xosé, axudan a completar o número 12, ao non ter territorio a de Leví.

**37**, 17 *Alguén.* A construción indeterminada quere expresar que a realidade significada pola unión dos paus (= cetros), será obra de Deus.

**37**, 19 Os *cetros de Israel,* contrapostos ao cetro de Xosé, aluden ao cetro de Xudá. A calificación de "Israel" quere facer referencia á lexitimidade exclusiva do reinado de David e dos seus descendentes sobre Israel. *Na miña man*: no poder de Deus (cf nota a **33**, 22 e **35**, 3).

**37**, 22 *No seu país*: o artigo ten aquí valor dun pronome posesivo. Estes artificios lingüísticos indican a importancia da posesión da terra no momento da restauración.

**37**, 23 A purificación dos *ídolos* e dos *pecados* está ligada á liberación dos lugares de deportación, e frutificará na renovación da alianza, deixando clara a pertenza do pobo a Deus.

**37**, 24 O *pastor único* do v. 22 concrétase no mesías davídico, que non só será rei, senón que, como pastor, guiará o pobo segundo as leis da alianza. Este anuncio cúmprese á perfección na realeza de Xesús, resucitado e entronizado á dereita do Señor (cf Mt **22**, 41-46).

**37**, 25 O tema da terra (vv. 21-22) relaciónase co da realeza mesiánica perpetua.

no que habitaron vosos pais, e habitarán nel para sempre, eles, os fillos e os fillos de seus fillos; e o meu servidor David será o seu príncipe para sempre.
[26]Establecerei con eles unha alianza perfecta, e o sinal que eu lles darei é que a alianza será eterna, e farei que se multipliquen. Porei para sempre o meu santuario no medio deles, [27]e a miña morada estará no medio deles; serei o seu Deus e eles serán o meu pobo. [28]E cando o meu santuario estea no medio deles para sempre, recoñecerán que eu son o Señor, o que consagra a Israel.

### Sección escatolóxica: oráculos contra Gog, do país de Magog

**38** [1]Veume a palabra do Señor nestes termos: [2]–Fillo de Adán, ponte de cara a Gog, oriúndo do país de Magog, gran príncipe de Méxec e de Tubal, e profetiza contra el.

### Primeiro oráculo de castigo contra Gog, que atacará a Israel

[3]Di: Así fala o meu Señor, Iavé:
Velaquí que eu veño contra ti, Gog, gran príncipe de Méxec e de Tubal: [4]voute sacar fóra e pór ganchos nas túas meixelas; fareite saír a ti e todo o teu exército: cabalos e cabaleiros, vestidos esplendidamente todos eles, unha gran multitude militar de rodelas e de escudos, todos eles empuñando espadas. [5]Persia, a Nubia e Put irán con eles, todos eles con escudo e helmo. [6]Gómer e todas as súas formacións militares, Bet-Togarmah, no remoto norte, con todos os seus exércitos valentes e numerosos, estarán contigo. [7]Certo! Estate ben preparado ti e toda a túa multitude militar, reunida ao teu lado, pois servirasse de protección. [8]Ao cabo de moitos días recibirás unha orde miña; ao remate deses anos entrarás nunha nación, rescatada da espada, de entre moitos pobos. Congregada sobre os montes de Israel, foi unha continua desolación, pero logo foron sacados de entre as nacións e por último todos eles viviron na tranquilidade. [9]Ti subirás coma o nubrado dunha tormenta, entrarás coma unha nube a cubrir esta nación, ti, todos os teus exércitos, e os moitos exércitos que están contigo.

### Segundo oráculo: Fracaso do ataque de Gog

[10]Así fala o meu Señor, Iavé:
Sucederá no día aquel, que se che subirán os proxectos á cabeza, e cismarás en matinacións de destrución. [11]Pensarás: "Subirei contra un país de chairas, entrarei a xunto das xentes pacíficas, que viven todas elas na tranquilidade, que viven sen murallas, nin trancas, e nin sequera portas teñen".
[12]Entrarei a saquear e a conseguir botín, a facer que a túa man se volva contra as ruínas repoboadas, e contra un pobo reunido de entre as nacións, que conseguiu gando e bens, e que vive no embigo do mundo. [13]Sabá e Dedán, os traficantes de Tárxix e todos os

**37**, 26 *Alianza perfecta* (lit. "de paz"): cf nota a **34**, 25.
**37**, 26c-28 O tema do santuario como sinal da alianza, serve de introducción teolóxica aos cc. **40**-**48**, quedando así vinculado á restauración prometida.
**38**, 1-**39**, 29 Esta sección, centrada no nome de Gog, forma un conxunto de oito oráculos, todos eles introducidos pola fórmula "así fala o Señor", menos o sexto, que emprega "sucederá no día aquel que eu ... ", expresión típica dos oráculos salvíficos. O oitavo oráculo reflicte o carácter escatolóxico do conxunto: a salvación definitiva, na que espera Israel. Aínda que o último oráculo (**39**, 25-29) pode inducir a pensar que a súa data é próxima á vida do profeta, máis ben debe ser dunha época posterior, pois a volta dos desterrados de Xudá non foi completa -e menos aínda a dos israelitas- , e por outra banda, os profetas postexílicos suspiran aínda pola volta á terra prometida. Todo o conxunto destes dous cc. reflicte a situación dunha época postexílica, con Israel xa repoboado.
**38**, 2 *Gog*: nome lendario pola súa grandeza, epónimo dun pobo, e presente xa en Núm **24**, 7, segundo a lectura do Pentateuco Samaritano, e dalgunhas versións latinas e gregas. En Xén **10**, 2 aparece Magog como fillo de Iafet, aínda que, máis que nome persoal, representa un país.
**38**, 3-9 Á vista dos pobres resultados da restauración de Israel despois do edicto de Ciro, o autor presenta a saída do lendario rei Gog cun grande exército formado polos pobos máis distantes, para saquear Israel. Esta saída ten as señas dun castigo destrutor (vv. 3-4a).
**38**, 4 *Sacar fóra e pór ganchos nas túas meixelas* quere significar a victoria persoal de Deus contra o poder das riquezas e grandezas das nacións (que se explicita na descrición do exército).
**38**, 5 *Put*: ao S do mar Rubio (cf nota a **27**, l0).
**38**, 6 *Gómer*: os comercios do Cáucaso, segundo Xén **10**, 2 e 1 Cro **1**, 5.
*Bet-Togarmah*: os armenios(cf **27**, 14; Xén **10**, 3; 1 Cro **1**, 6).
**38**, 7 Esta orde divina, non libre de ironía, quere preparar a manifestación da gloriosa victoria de Iavé.
**38**, 8 *Recibirás unha orde.* O verbo *paqad* (= inspeccionar) ten na pasiva o senso de executar as ordes do rei .
*Nación.* O vocábulo *eres* ten aquí o senso de "nación", formada polos repatriados.
**38**, 9 As imaxes do nubrado da tormenta e da nube significan a invasión de Israel polo poderoso inimigo.
**38**, 10-13 A fórmula introdutoria *sucederá no día aquel*, característica dos oráculos salvíficos, converte o oráculo de castigo contra Israel nun oráculo salvífico, anticipando o castigo dos invasores (vv. 17-23), e dándolle ao oráculo un ton irónico: os proxectos e matinacións de Gog están provocados por Iavé, para levar as potencias pagás ao fracaso total. As preguntas dos pobos (v. 13) reflicten a mesma ironía.
**38**,12 *No embigo do mundo*: na mente dos hebreos está alí Xerusalén, lugar da morada do Deus de todo o mundo.
**38**,13 *Sabá*: cf nota a **27**, 22. *Dedán*: cf nota a **27**, 20. *Tárxix*: cf nota a **27**,12. *Moradores*: lit. "aldeas".

seus moradores, diranche: "É a saquear ao que viñeches? Xuntaches o teu exército para conseguir botín, para levar prata e ouro, para roubar gando e bens, para facer un gran saqueo?".

### Terceiro oráculo: orde divina de atacar a Israel

14Si, por iso, profetiza, fillo de Adán, e dille a Gog: Así fala o meu Señor, Iavé:

No día aquel, cando o meu pobo Israel viva na tranquilidade, non te vas dar conta? 15Virás desde o teu lugar, desde o remoto norte, ti, e contigo numerosos exércitos, todos eles montados a cabalo, unha multitude enorme, un exército numerosísimo. 16E subirás contra o meu pobo Israel, coma unha nube que cobre o seu país; ao cabo deses días estarás alí e eu fareite entrar en ataque contra o meu pobo, para que as nacións me recoñezan a min, cando ti, Gog, me recoñezas por Santo á vista deles.

### Cuarto oráculo de castigo contra Gog: teofanía no terremoto

17Así fala o meu Señor, Iavé:

Es ti aquel de quen eu falei nas épocas antigas por medio dos meus servidores, os profetas de Israel, que veñen profetizando desde aquelas épocas e aqueles anos que eu te traería contra eles? 18Pois sucederá o día aquel, o día que veña Gog contra a terra de Israel –é o meu Señor, Iavé, quen fala–, que a carraxe subirá á miña cara. 19Movido polos celos e polo lume da miña ira, dixen: Ben certo que o día aquel haberá un gran terremoto no territorio de Israel. 20E tremerán ante a miña cara anoxada os peixes do mar, os paxariños do ceo, os animais salvaxes, todos os bechos que serpean pola terra, e todos os homes da superficie da terra; estomballaranse os montes, e derrubaranse as fragas, e caerán as murallas da capital: virán ao chan. 21Por todos os meus montes chamarei a espada contra el –é o meu Señor, Iavé, quen fala– e a espada de cada un volverase contra seu irmán. 22Executarei a sentenza contra el coa peste e co sangue; e unha chuvia de diluvio e pedrazo, lume e xofre, farei chover sobre el, sobre as súas tropas e sobre os numerosos exércitos que estarán con el. 23Deste xeito mostrarei a miña grandeza e a miña santidade, e dareime a coñecer na presenza de pobos numerosos. Recoñecerán que eu son o Señor.

### Quinto oráculo de castigo contra Gog e de salvación para Israel

**39** 1–Oe ti, fillo de Adán, profetiza contra Gog e di: Así fala o meu Señor, Iavé:

Velaquí, eu estou contra ti, Gog, gran príncipe de Méxec e de Tubal, 2vou conducirte fóra e facerte saír, fareite subir desde o remoto norte, e levareite aos montes de Israel. 3A golpes farei que soltes o arco da túa man esquerda, e farei caer as frechas da túa man dereita. 4Nos montes de Israel caerás ti e todas as túas tropas, e os exércitos que estarán contigo. Entregareite en pasto ás aves de rapina, aos paxariños, aos paxaros de toda clase e aos animais salvaxes. 5Caerás no campo raso, pois eu son quen o dixen –oráculo do meu Señor, Iavé–. 6Mandarei lume contra Magog e contra os que viven nas illas con tranquilidade. Entón recoñecerán que eu son o Señor.

**38**, 14-16 Este oráculo de castigo contra Israel ten a finalidade principal de que, tanto Israel coma Gog, recoñezan a santidade de Iavé, que dirixe os procesos da historia.
**38**, 17-23 Oráculo de castigo contra Gog (símbolo de poder das nacións pagás), provocado polos celos e pola ira de Iavé. O castigo contra os pagáns preséntase como unha teofanía no terremoto (vv. 19b-20), coa que Deus lles mostrará aos pobos a súa grandeza e santidade.
**38**, 17 A referencia aos antigos profetas pretende xustificar a invasión dos poderes pagáns da terra de Israel. O "ti" deste v. refírese a Gog; e o "eles" alude ao pobo da alianza. Esta escatoloxía pretende ser unha clave de interpretación dos textos proféticos, na perspectiva das esperanzas de cumprimento da salvación definitiva.
**38**, 18-19 A *carraxe, celos, lume da ira* de Iavé, teñen como resultado o esmagamento dos poderes das nacións pagás e a chegada dun período salvífico, xa definitivo, para Israel.
O *terremoto,* sinal teofánico, quere expresar unha intervención definitiva, tal como o interpreta Mt **27**, 51, aplicándollo á morte de Xesús Cristo.
**38**, 20 Estas descricións queren expresar a reacción da natureza ante a nova e definitiva manifestación de Deus.
**38**, 21-22 Estes vv. son a expresión do castigo de Gog, no que se fai referencia á destrución de Sodoma con lume e xofre (cf Xén **19**, 24 e Sal **11**, 6).
**39**, 1-10 Este oráculo é un desenvolvemento do anterior. Está formado por unha primeira parte de castigo contra Gog (vv 1-6a), e unha segunda de oráculo salvífico para Israel (vv. 8-10), enlazadas ámbalas dúas polo tema da automanifestación do nome do Señor (vv. 6b-7).
**39**, 1 *Gran príncipe* (lit. "príncipe-cabeza"). Por ser a cabeza a raíz da responsabilidade persoal, o termo cabeza quere expresar o suxeito responsable do ataque pagán contra Israel.
**39**, 3 *A golpes:* lit. "farei que se te golpee". A desfeita de Gog será consecuencia da acción poderosa de Iavé.
**39**, 4 Ser *pasto* dos animais é, para os semitas, a peor desgracia que lle pode acontecer ao home, pois supón a aniquilación da persoa, da que non quedan nin os ósos, perdendo así toda esperanza de pervivencia.
**39**, 6 O *lume.* E sinal do castigo divino (cf v. 9). A referencia ás illas ou costas supón que o reino de Gog está nas beiras do mar Negro.

7Darei a coñecer o meu santo Nome entre
o meu pobo Israel, e non deixarei que volvan
profanar o meu santo Nome. Recoñecerán as
nacións que eu son Iavé, o Santo de Israel.
8Velaquí que isto chega, que acontece –ora-
culo do meu Señor, Iavé–: é o día do que fa-
lei. 9Entón os que viven nas cidades de Israel
sairán e prenderán lume e queimarán as ar-
mas: rodelas e escudos, arcos e frechas gran-
des, mazas e lanzas. Con isto terán para facer
lume durante sete anos. 10Xa non levarán dos
montes a madeira, nin cortarán leña para a
traer desde a touza, senón que coas armas fa-
rán lume. Saquearán aos seus saqueadores, e
roubarán aos seus ladróns –é o meu Señor,
Iavé, quen fala–.

### Sexto oráculo salvífico: a purificación do país

11Sucederá no día aquel que eu lle darei a
Gog sepultura alí, unha tumba en Israel, no val
dos Camiñantes, ao nacente do mar Morto, o
val que lles cerra o camiño aos camiñantes.
Alí enterrarán a Gog e a toda a súa tropa, por
isto lle chamarán o val das tropas de Gog. 12A
casa de Israel enterraraos para facer a purifica-
ción do país en sete meses. 13Enterraraos toda
a xente do país, e o día no que eu me cubra
de gloria seralles memorable –é o meu Señor,
Iavé, quen fala–. 14Os membros da confraría
dos agrimensores da terra escollerán os que
percorran o país, para enterraren eles que per-
corren o país os que queden sobre a superficie
da terra, e deste xeito a limpen. Ao cabo de
sete meses empezarán a inspección. 15Os co-
rredores percorrerán o país, e quen ollara uns
ósos humanos, poralles ao lado, de sinal, unha
pedra dereita. De tanto enterraren ósos os se-
pultureiros no val das tropas de Gog, 16empe-
quenecerá a cidade coas sepulturas da tropa,
pero limparán o país.

### Sétimo oráculo: a vitoria definitiva sobre Gog e o recoñecemento da gloria de Iavé

17–Oe ti, fillo de Adán: Así fala o meu Se-
ñor, Iavé:

Dilles aos paxariños de toda clase de plu-
ma, e a todos os animais do campo: Xuntá-
devos, vinde, reunídevos de todo o arredor
para a matanza coa que vos vou convidar,
unha gran matanza nos montes de Israel.
Comeredes carne e beberedes sangue: 18co-
meredes a carne dos heroes, e beberedes o
sangue dos príncipes da terra; todos eles
serán os carneiros, os años, os castróns, os
xatos e os becerros de Baxán. 19Comeredes
graxa ata fartarvos e beberedes sangue ata
emborracharvos: tal será o banquete que vos
teño preparado. 20Na miña mesa fartarédes-
vos de cabalos e de cabaleiros, de heroes e de
todos cantos interveñen na guerra –é o meu
Señor, Iavé, quen fala–. 21Porei a miña glo-
ria no medio das nacións e todas as nacións
verán a sentenza que eu executarei e a miña
man, que eu porei sobre eles. 22Desde o día
aquel e de alí para adiante recoñecerá a casa
de Israel que eu son o Señor, o seu Deus. 23E
as nacións recoñecerán que a casa de Israel

**39**, 7 Esta victoria de Iavé sobre os poderes pagáns é unha automanifestación do poder de Deus transcendente, que conducirá os mesmos pagáns ao recoñecemento de Iavé como autor e creador da nova realidade.

**39**, 9 O destino das armas pagás será serviren de combustible para Israel, pois na nova etapa histórica xa non haberá guerra.

**39**, 11-16 Este oráculo salvífico (cf nota a **38**, 1-**39**, 29) recolle na fórmula oracular o tema do v. 8: o día da victoria definitiva de Iavé. O tema do oráculo é a purificación do país, como elemento previo á restauración definitiva do novo pobo, no que entrarán todos os que foron deportados (vv. 25-29).

**39**, 11 O *val dos Camiñantes* (ou "val dos Abarim") está situado en Moab, ao L do mar Morto (cf Núm **21**, 11; **33**, 47; Xer **22**, 20). O val das tropas de Gog pode ser unha referencia teolóxica ao torrente Ben-Hinnom, ao S de Xerusalén, onde se realizaran sacrificios de meniños en honor a Molok (cf Lev **18**, 21; Xer **32**, 35; Ez **16**, 21; **32**, 27). *Sepultura* (heb. "maqom"). Ao estar en paralelo con "tumba" ten este sentido, pois etimoloxicamente significa "o que se mantén de pé", "o que se mantén erguido".

**39**, 12 O enterramento dos cadáveres é preciso para a nova etapa definitiva, pois, para os semitas, os corpos insepultos execran a terra.

**39**, 14 *Os membros da confraría dos agrimensores da terra*: son os repartidores da terra, na nova situación, escatolóxica.

**39**, 17-24 O oráculo ten dúas partes. A primeira (vv. 17-20), de castigo definitivo para Gog e para a súa tropa, coa invitación aos paxaros e animais salvaxes a devorar as carnes dos caídos, desenvolvendo o tema do v. 4. A segunda (vv. 21-24) trata da manifestación da gloria de Iavé e do recoñecemento da súa actuación salvadora por Israel e mais polos outros pobos.

**39**, 17-20 Ainda que no oráculo precedente xa se falou do enterro dos cadáveres para purificar a terra, vólvese agora ao tema do v. 4 como nun canto de victoria definitiva, pois "os cadáveres devorados polas feras" son signo claro da total desaparición dos inimigos de Deus, cousa previa á definitiva etapa salvífica.

**39**, 20 *Cabaleiros*. Seguimos aquí o texto grego (dos LXX). O texto hebrea di "carros", o que non ten sentido. Os dous vocábulos teñen as mesmas consoantes, polo que se comprende o erro.

**39**, 21 *Gloria* (= manifestación salvífica), *sentenza* (= de castigo para Gog) e *a man* (expresión antropomórfica do poder divino), son termos que aparecen en paralelo.

**39**, 23 O recoñecemento de Iavé por parte dos pagáns inclúe, ademais da acción sa1vífica de Iavé co seu pobo, o castigo das súas infidelidades e idolatrías que levou os hebreos ao desterro, onde se ve unha chamada aos pagáns a deixar a idolatría. *Escondinlles a miña cara*: retireilles o favor e a protección.

marchou ao desterro pola súa culpa, porque se rebelaron contra min, e entón eu escondinlles a miña cara, e entregueinos na man dos seus inimigos: todos eles caeron pola espada. [24]Trateinos de acordo coas súas porcalladas, e conforme as súas rebeldías, e escondinlles a miña cara.

**Oitavo oráculo: a restauración definitiva de Israel, realizada coa efusión do Espírito**

[25]Mais fixádevos, así fala o Señor:

Agora eu fago volver os desterrados de Xacob e compadézome de toda a casa de Israel, pois sinto celos polo meu santo Nome. [26]Esquecerán a súa vergonza e a súa rebeldía coa que se rebelaron contra min, cando vivan na súa terra con tranquilidade e sen haber quen os atemorice. [27]Cando os faga volver de entre os pobos e os reúna traéndoos dos países dos seus inimigos, mostrarei a miña santidade neles, na presenza doutros pobos grandes e numerosos. [28]E recoñecerán que eu son o Señor, o seu Deus, pois, aínda que os levei deportados a outras nacións, xuntareinos na súa terra e non deixarei que volva quedar alá ningún deles. [29]Nin lles volverei esconder a miña cara porque vertín o meu espírito sobre a casa de Israel –é o meu Señor, Iavé, quen fala.

## A RECONSTRUCIÓN E REORGANIZACIÓN EXTERNA DO ISRAEL ESCATOLÓXICO

**Introdución**

**40** [1]O ano vinte e cinco despois de que nos levaron desterrados, no comezo do ano, o día dez do mes, catorce anos despois da caída da cidade, nese mesmo día, veu sobre min a man do Señor e levoume alá. [2]En éxtase levoume ao país de Israel e deixoume nun monte altísimo e na cima del, cara ao sur, había como as construcións dunha cidade. [3]Levoume alí, e vin un home: o seu aspecto era como a aparencia do bronce; tiña na súa man un cordel de liño e unha cana de medir. Estaba de pé á porta. [4]Entón o home díxome: –Fillo de Adán, olla cos teus ollos, escoita atentamente cos teus oídos, e pon toda a túa atención en todo o que eu che vou mostrar, pois fuches traído aquí para que vexas. Cóntalle á casa de Israel todo o que ti vas ver.

**O novo templo: o muro exterior**

[5]E velaquí: unha muralla exterior do templo en todo o arredor. A cana de medir que o home tiña na man era de seis cóbados (en cóbados vellos, de cóbado e palmo). El mediu a anchura da construción: unha cana; e a altura, unha cana.

**A porta do nacente**

[6]Logo foi á porta que mira cara ao nacente e subiu polos seus chanzos e mediu a entrada

**39**, 25-29 Oráculo salvífico no que se desenvolven os motivos polos que Deus actúa: compaixón e celos polo seu santo Nome, de xeito que recoñezan a Iavé e non sexan privados do seu favor, senón ao contrario, que reciban o Espírito e se unifique o pobo.

**40**, 1-**48**, 35 Esta sección constitúe un anuncio profético (**40**, 1-4) do templo, que se vai reconstruír para a etapa da restauración definitiva, tal como se anunciou en **37**, 28. Os cc. **40**-**42** tratan dos planos da construción do novo templo, aínda que son máis planos horizontais ca de alturas. A súa finalidade é establecer unha serie de filtros que marquen o paso do terreo profano exterior ao interior do santuario. Este plano nunca se realizou materialmente, senón que foi unha profecía teolóxica da santidade de Iavé e do seu templo e culto. O c. **43** trata da presenza da Gloria de Iavé no novo templo, despois de abandonar o anterior (cf **10**, 18-19; **11**, 22-23), e tamén da construción e consagración do altar. Este c. constitúe o elemento central da sección. Os cc. **44**-**46** conteñen a lexislación sobre o persoal do templo, sobre o culto e sobre as distintas solemnidades.

E os cc. **47**-**48** tratan do reparto e organización das tribos da Terra Santa, ideado polo profeta para o momento da restauración. Estas divisións xeométricas perfectas expresan o carácter lineal e teolóxico de todas as divisións: organización en perfecta xeometría arredor do santuario, realidade que sacraliza a terra e os membros do novo pobo.

**40**, 1 A data responde ao ano 573 (25 despois da primeira deportación e 14 despois da caída de Xerusalén), nos primeiros días de outubro, pois o ano civil comezaba co outono. Neste momento, celebraban o xexún que precedía á festa das Cabanas (cf Lev **16**, 29; **23**, 24; **25**, 9; Núm **29**, 1). *Veu sobre min a man do Señor e levoume*: éxtase e traslado en espírito desde Babilonia a Xerusalén.

**40**, 2 *En éxtase*: lit. "en visión de Deus". *Monte altísimo*: non tanto topograficamente (menos de 900 m, canto teoloxicamente, por mor da elección divina (cf Sal **68**, 16-17; Is **2**, 2; Ez **40**, 1-2).

**40**, 3 *Un home*: pola descrición que del fai, e pola súa función de guía e intérprete da visión, é un anxo (cf **8**, 16; **9**, 21s; **10**, 5s; Zac **1**, 8s; Ap **10**, 1-11s).

**40**, 4 *A túa atención*: lit. "o teu corazón".

**40**, 5 O cóbado vello, do que fala 2 Cro **3**, 3, medía 0,52 m (= 7 palmos), mentres o cóbado novo ou ordinario medía 0,450 m (= 6 palmos). Este muro separaba o lugar sagrado do profano, e tiña unha altura e espesor de 3,15 m.

**40**, 6-16 A edificación interior á porta do nacente era duns 31,5 x 13,65 m, incluídas garitas, pilastras e o oco da portada. As garitas servían para vixiar a entrada.

da porta: unha cana de fondo; e cada entrada, unha cana de ancho. [7]As garitas eran dunha cana de longo por unha cana de ancho; entre as garitas había cinco cóbados; a entrada da porta, desde o lado de dentro da porta polo lado do santuario, era dunha cana. [8]E mediu o interior da porta, desde o que xa é santuario: unha cana. [9]Logo mediu o portal interior: oito cóbados; e as súas pilastras: dous cóbados. Tal era a soleira da porta polo lado do santuario. [10]As garitas da porta que daba ao nacente eran tres dun lado e tres do outro lado. As tres tiñan a mesma medida e tamén as pilastras dun lado e máis do outro tiñan a mesma medida. [11]Logo mediu a anchura do oco da portada: dez cóbados; e o longo, trece cóbados. [12]Había un adro diante das garitas dun cóbado por un lado, e un cóbado de adro polo outro lado; e cada garita medía seis cóbados por un lado e seis cóbados polo outro. [13]Logo mediu a entrada, desde o teito dunha garita ao teito da garita oposta: un ancho de vinte e cinco cóbados; cada entrada estaba fronte á outra entrada. [14]Fixo a medición das pilastras: sesenta cóbados; e diante das pilastras, todo arredor, o adro da entrada. [15]Enfronte estaba a fachada da porta; había un corredor de cincuenta cóbados, ata a fachada interior do vestíbulo da porta. [16]E nas garitas e nas súas pilastras de cara ao interior da portada, todo arredor, había fiestras enreixadas; tamén había a barreira para a morte con fiestras todo arredor cara a dentro, e sobre as pilastras había adornos en forma de palmeira.

### O adro exterior: medidas e salas

[17]Logo levoume ao adro exterior, e velaquí as salas e un lousado; había no adro todo arredor unha construción: trinta salas ao lado do lousado. [18]O lousado estaba a carón mesmo das portas, en proporción coa lonxitude das portas: tal era o lousado de máis abaixo. [19]Logo mediu a anchura desde fronte á porta de abaixo ata a porta interior, por fóra da porta: cen cóbados. Isto polo nacente.

### A porta do norte

E polo norte, [20]velaquí a porta que dá cara ao norte: no adro exterior mediulle o longo e mais a anchura. [21]As súas garitas tres dun lado e tres do outro, as súas pilastras e a súa entrada tiñan as mesmas medidas ca a primeira porta: cincuenta cóbados de longo e vinte e cinco cóbados de ancho. [22]As súas fiestras, a súa entrada e os adornos en forma de palmeira eran das mesmas medidas ca a porta que miraba cara ao nacente; subíase a ela por sete banzos, e o vestíbulo estaba fronte a eles. [23]Había unha porta no adro interior enfronte da porta que daba ao norte, o mesmo que cara ao nacente; mediu de porta a porta: cen cóbados.

### A porta do sur

[24]Logo levoume cara ao sur, e velaquí unha porta cara ao mediodía. Mediu as súas pilastras e o seu vestíbulo: o mesmo ca as medidas das outras portas. [25]As súas fiestras e o seu vestíbulo todo arredor eran da mesma medida ca as outras fiestras: cincuenta cóbados de longo e vinte e cinco cóbados de anchura. [26]As súas escaleiras eran de sete banzos e tiñan o seu vestíbulo enfronte delas; e sobre as pilastras había esculturas en forma de palmeira, unha nunha cara e outra noutra. [27]Había unha porta no adro interior cara ao sur; mediu de porta a porta cara ao sur: cen cóbados.

### O adro interior: a porta sur

[28]Logo fíxome entrar no adro interior pola porta do sur, e logo mediu a porta do sur: as mesmas medidas ca as outras. [29]As súas garitas, as súas pilastras e o seu vestíbulo tamén tiñan as mesmas medidas ca as outras; tiña fiestras e o seu vestíbulo todo arredor medía cincuenta cóbados de longo; e de ancho, vinte e cinco cóbados. [30]Había vestíbulos todo arredor de vinte e cinco cóbados de longo por vinte e cinco cóbados de ancho. [31]O seu vestíbulo daba ao adro exterior, e tamén había palmeiras esculpidas nas súas pilastras; as súas escaleiras eran de oito chanzos.

### Adro interior: porta do nacente

[32]Logo fíxome entrar no adro interior pola entrada do nacente, e mediu esta porta, que deu as mesmas medidas ca as outras. [33]As

**40**, 15 Entre ésta e a entrada exterior ao adro seguinte, había un espazo de 26,25 m.

**40**, 16 *A barreira para a morte.* Interpretamos o vocábulo hebreo empregado como un substantivo co sentido de parar, e que traducimos por "barreira". Era un valo que obrigaba ao control policial, para impedir a entrada ao templo de carnes mortas ou de persoas espiritualmente mortas polos pecados ou idolatrías.

**40**, 17-19 Este adro exterior tiña unha anchura de 52,5 m, medindo de muro a muro.

**40**, 20-23 Esta porta é semellante á porta do nacente (vv. 6-16): por iso non se detén moito nela.

**40**, 28-31 Aínda que a portada que dá ao adro interior recibe o nome de adro interior, de feito está construída cara a fóra (v. 31), buscando non só a simetría das construcións, senón tamén servindo de novo control de entrada ao adro interior, máis sagrado.

súas garitas, as súas pilastras e o seu vestíbulo deron as mesmas medidas ca as outras; tamén tiña fiestras, e o seu vestíbulo todo arredor medía cincuenta cóbados de longo por vinte e cinco cóbados de ancho. [34]O seu vestíbulo daba ao adro de fóra, e tamén había palmeiras esculpidas nas súas pilastras dun lado e do outro; as súas escaleiras eran de oito chanzos.

**Adro interior: porta do norte**

[35]Logo levoume á porta do norte, e mediuna: as mesmas medidas ca as outras. [36]Tiña as súas garitas, as súas pilastras, o seu vestíbulo e as fiestras todo arredor: cincuenta cóbados de longo por vinte e cinco de ancho. [37]O seu vestíbulo daba ao adro de fóra, e tamén había palmeiras esculpidas nas súas pilastras dun lado e do outro; as súas escaleiras eran de oito banzos.

**Complemento á descrición das portas do adro interior**

[38]Había unha sala, e a súa porta daba ao vestíbulo desta porta; nela era onde se lavaban as vítimas dos holocaustos. [39]No vestíbulo desta porta había dúas mesas a un lado e dúas mesas ao outro, para sacrificar sobre elas as vítimas dos holocaustos e as vítimas dos sacrificios polos pecados e as ofensas.

[40]Polo lado de fóra das escaleiras da entrada da porta norte había dúas mesas e polo outro lado, isto é, no vestíbulo desa porta, había outras dúas mesas. [41]Catro mesas a un lado e catro mesas ao outro. Ao lado desta porta, oito mesas, sobre as que sacrificaban. [42]As catro mesas para as vítimas dos holocaustos eran de pedras de labra; tiñan un cóbado e medio de longo, un cóbado e medio de ancho, e un cóbado de alto; sobre elas tamén puxeran as ferramentas coas que sacrificaban as vítimas dos holocaustos e as dos sacrificios. [43]Dúas repisas dun palmo estaban amarradas no interior todo arredor; sobre as mesas estaba a carne das ofrendas.

[44]Fóra da porta interior, no adro interior, estaban as salas dos xefes: a que estaba ao lado da porta do norte, tiña a súa fachada cara ao sur; a outra estaba ao lado da porta do nacente, e tiña a fachada de cara ao norte.

[45]Entón díxome: –Esta sala que ten a fachada cara ao sur é para os sacerdotes que atenden o servizo do santuario. [46]A sala que ten a súa fachada cara ao norte é para os sacerdotes que atenden o servizo do altar; eles, fillos de Sadoc, son os que de entre os fillos de Leví están cerca do Señor para o serviren.

**Medidas do adro interior**

[47]Logo mediu o adro: cen cóbados de longo e cen cóbados de ancho: un cadrado. O altar estaba fronte ao santuario.

**O santuario**

a. *O vestíbulo*

[48]Logo fíxome entrar no vestíbulo do santuario e mediu as pilastras do vestíbulo: cinco cóbados dun lado e cinco cóbados do outro; o ancho da porta era de tres cóbados dun lado e tres cóbados do outro. [49]O longo do vestíbulo era de vinte cóbados, e o ancho, de doce cóbados; por dez banzos subíase ata el, e tiña columnas xunto ás pilastras: unha dun lado e outra do outro.

b. *A sala santa: o "Hekal"*

**41** [1]Logo fíxome ir cara ao santuario, e mediu as pilastras: seis cóbados de ancho dun lado e seis cóbados de ancho do outro; este era o seu ancho. [2]O ancho da porta era de dez cóbados e o das paredes laterais da entrada era de cinco cóbados dun lado e cinco cóbados do outro; logo mediu o longo do santuario: corenta cóbados; e o ancho, vinte cóbados.

c. *O lugar máis santo: o "Debir"*

[3]Despois entrou, e mediu a pilastra da entrada: dous cóbados; a entrada: seis cóbados, e o ancho da entrada: sete cóbados. [4]Logo mediu o longo do santuario: vinte cóbados; e o ancho: vinte cóbados; estaba cara á fachada do santuario.

**40**, 38 Deste lavado das víctimas fálase en Lev **1**, 9 e 2 Cro **4**, 6. Vese que lavaban as patas e mailas entrañas.
**40**, 44 *Xefes*: no heb. "cantores"; pero ten máis sentido cambiando de lugar un punto, co que resultaría "xefes", "reis", "príncipes", e aquí "sacerdotes", pois das mesmas salas fálase, no v. que segue, nesa liña.
**40**, 46 Sobre este privilexio de seren os xefes do santuario os fillos de Sadoc, cf **1**, 8; 2 Cro **31**, 10.
**40**, 47 Deste altar falárase en **43**, 13-17.
**40**, 48-**41**, 4 Esta sección trata do santuario, chamado en **40**, 47 *báiit* (= edificación). A primeira parte do edificio chámase *hekal* (= santuario), o "Santo" (cf vv. 1-2). A parte máis interior do santuario, da que se ofrecen as medidas, considérase o lugar máis santo, e vén nomeada *Debir* ou "Santo dos Santos" (**41**, 3-4). Este edificio é igual ao do santuario de Salomón (1 Re **6**), polo que o profeta non se para a describilo.

Logo díxome: –Este é o lugar máis santo.
5Logo mediu a parede do santuario: seis cóbados, e o ancho das salas laterais: catro cóbados, todo arredor do santuario.

### As salas laterais, a columnata do santuario e o lugar sen edificar

6As salas laterais, sala sobre sala, eran tres pisos de trinta; as mesmas salas laterais seguían todo arredor, todo ao longo do muro do templo, para serviren de apoios, e para que os apoios non estivesen no muro do templo. 7A anchura ía aumentando nas salas laterais conforme ían subindo, pois o contorno do edificio ía aumentando por todo o arredor do edificio; por isto a anchura do templo ía crecendo, e desde a sala terrea subíase á de riba pola do medio. 8A columnata do templo era alta todo arredor; a cana de seis cóbados chegaba cumpridamente desde os fundamentos das salas laterais ata a cima. 9A anchura do muro das salas laterais por fóra era de cinco cóbados; e o lugar sen edificar entre os espazos de entre as columnas laterais do templo 10e as salas, era de vinte cóbados todo arredor do templo. 11As salas laterais tiñan entrada ao lugar sen edificar: unha entrada cara ao norte e unha entrada cara ao sur, o ancho do espazo sen edificar era de cinco cóbados todo arredor.

### O edificio do poñente

12Enfronte do patio, no lado que daba cara ao poñente, había un edificio de setenta cóbados de ancho; o muro deste edificio tiña cinco cóbados de ancho todo arredor; e a longura do edificio era de noventa cóbados.

### Dimensións do santuario

13Logo mediu o santuario; cen cóbados de longo. O patio, o edificio e os seus muros, medían de longo cen cóbados. 14A anchura da fachada do templo e do patio que daban cara ao nacente, era de cen cóbados. 15Despois mediu o longo do edificio, pola cara que dá ao patio que estaba detrás do edificio, e as súas galerías dun lado e do outro: deu cen cóbados. Táboas de madeira recubrían por todo o arredor o interior do santuario e mais os vestíbulos que daban ao adro, 16as entradas e as fiestras enreixadas, e as galerías por todo o arredor das tres caras de fronte á entrada; tamén recubría a madeira desde o chan ata as fiestras. As fiestras estaban tamén recubertas 17ata por cima da abertura; e tamén o interior do santuario, por fóra e por todo o arredor do muro; por dentro e por fóra había paneis 18e esculturas de querubíns e palmeiras, unha palmeira entre un querubín e outro querubín. Os querubíns tiñan dúas caras: 19unha cara de home en dirección á palmeira, dun lado; e outra cara de león en dirección á palmeira, do outro lado. As esculturas estaban sobre todo o santuario por todo o arredor. 20Desde o chan ata o van da entrada había querubíns e palmeiras esculpidas. Tal era a parede do santuario! 21O santuario tiña os marcos da porta cadrados e de fronte ao santuario había como unha especie 22de altar de madeira de tres cóbados de alto e dez cóbados de longo; tiña de madeira as súas esquinas, a súa táboa de arriba e as paredes.

Entón díxome: –Esta é a mesa que está diante do Señor.

23A sala santa tiña porta dobre; e o santuario 24tamén tiña porta dobre. Cada porta tiña dúas follas. Un portal tiña dúas portas; e outras dúas portas tiña o outro portal. 25Nelas, isto é, nas portas da sala santa, había esculturas de querubíns e de palmeiras, do mesmo xeito ca os esculpidos sobre o muro. Tamén había un cuberto de madeira fronte á fachada do vestíbulo, polo lado de fóra. 26Así como fiestras enreixadas e palmeiras, dun lado e do outro, sobre as paredes dos lados do vestíbulo e sobre os lados do templo e do cuberto.

**41**, 6-7 Estas salas laterais, ás que non se lles asigna ningunha función, teñen no texto a finalidade de protexer o santuario, cousa que se expresa arquitectonicamente coa altura de tres pisos e cada vez máis anchas.
**41**, 8 *A columnata do templo*. Traducimos así, interpretando a transcrición que fan os LXX do termo hebreo. A finalidade desta columnata era ornamental.
**41**, 9 Co espazo sen construír quérese subliñar a santidade do templo. *Os espazos de entre as columnas* (lit. "as salas"): o termo ten que referirse aos espazos entre as columnas exteriores do lugar sagrado e do lugar máis santo, e estas columnas debían de estar separadas do muro, formando estas salas, impedindo así que as pingueiras da chuvia tocasen o muro do templo.
**41**, 12 Deste edificio fálase en **42**, 1-14.
**41**, 13 O templo inclúe aquí o edificio santo e as salas da edificación lateral.
**41**, 19 A dobre cara dos querubíns significa o carácter rexio, pois o león é símbolo da realeza, e ao mesmo tempo, o rostro humano é símbolo de Iavé, que mostra o seu benquerer ao pobo, no templo. A palmeira é símbolo da vida perenne.
**41**, 22 Neste altar púñanse os "pans da proposición", sacrificio vexetal e duradeiro, que anticipa o carácter sacrificial da Eucaristía e do Tabernáculo cristián.
**41**, 23 As dúas portas de dobre folla da sala santa e do lugar máis santo, queren expresar o esplendor rexio do santuario.

### Estancias do edificio

**42** [1]Entón fíxome saír ao adro exterior polo corredor do norte, e levoume ás dependencias que están fronte ao adro e fronte ao edificio que dá ao norte: [2]a fachada era de cen cóbados de longo, coa porta cara ao norte, e a súa anchura era de cincuenta cóbados. [3]Diante do altar das libacións que está no adro interior, fronte ao lousado que está no patio exterior, había galerías, unha sobre outra, en tres pisos. [4]Diante destas dependencias había un camiño de dez cóbados de ancho, e no interior das estancias un corredor dun cóbado, e as portas das estancias daban ao norte. [5]As estancias de arriba estaban acurtadas, pois as galerías collían máis edificios ca elas, máis ca as dependencias de abaixo, e máis ca as do medio; [6]e pola outra banda, aínda que as dependencias formaban tres pisos, non tiñan columnas coma as columnas dos outros adros; por isto, as estancias de arriba comparadas coa planta do edificio eran máis pequenas ca as de abaixo e ca as do medio.

[7]Había un muro polo lado de fóra das dependencias, polo adro exterior, e estaba ao lado da fachada das dependencias, e medía cincuenta cóbados de longo. [8]A lonxitude das dependencias que había no adro exterior era de cincuenta cóbados; e a das dependencias que había fronte á fachada do santuario era de cen cóbados. [9]Por debaixo destas dependencias estaba a entrada que viña do nacente, e que daba entrada a elas desde o adro exterior. [10]Todo ao ancho do muro do adro, en dirección do nacente, fronte á fachada do adro e fronte á fachada do edificio, había estancias, [11]e mais un corredor diante delas. Tiñan o mesmo aspecto ca as salas que había contra o norte; tiñan o mesmo longo ca ancho, todas as súas saídas e as súas distribucións e as súas portadas eran do mesmo xeito. [12]O mesmo ca as portas das estancias que daban ao mediodía, había unha porta no comezo do corredor; era o corredor que había na fachada do muro de protección, o corredor do nacente ao que as estancias daban paso.

[13]Entón díxome: –As dependencias do norte e mais as dependencias do mediodía que están nas fachadas do adro son as dependencias do templo, onde os sacerdotes que se chegan xunto ao Señor comen comidas santísimas. É alí onde se poñen as cousas santísimas, as ofrendas, as vítimas dos sacrificios polos pecados e mais as vítimas para sacrificios de reparación; ben certo que o lugar é santo. [14]Cando os sacerdotes entran alí non saen do santuario ao adro exterior, senón que deixan alí as vestiduras coas que oficiaron, pois son vestiduras santas. Han de vestir outras roupas para se achegaren ao lugar que lle corresponde ao pobo.

### Medición exterior do conxunto do templo

[15]Cando acabou a medición do interior do santuario, fíxome saír pola porta que dá ao nacente, e logo mediu o templo todo arredor. [16]Mediu o lado do nacente coa cana de medir: cincocentas canas, en cana de medir. Deu a volta e [17]mediu a cara norte: cincocentas canas con cana de medir. Deu a volta [18]ao lado do mediodía, e mediu cincocentas canas con cana de medir. [19]Deu a volta para o poñente, e mediu cincocentas canas con cana de medir. [20]Mediu o templo polas catro caras: tiña un muro todo arredor de cincocentas canas de longo por cincocentas de ancho, para separar o santo do profano.

### Volta da gloria do Señor ao santuario

**43** [1]Entón El levoume cara á porta, a porta que mira en dirección do nacente, [2]e vin que a gloria do Deus de Israel chegaba da parte do nacente, e o seu ruído era coma o ruído de augas caudalosas e a cidade resplandecía coa súa gloria.

[3]Velaquí a visión! A visión que eu vin foi como a visión que tivera cando a gloria de Deus viñera destruír a cidade. Velaquí a visión! Fora como a que tivera xunto ao río Quebar. Entón prostreime en adoración, [4]e a gloria do Señor entrou no santuario pola porta que mira ao nacente. [5]O espírito arrebatou-

**42**, 1-14 Estas habitacións en tres pisos teñen xa finalidade cúltica e non soamente de protección do lugar santo, aínda que a falta de galerías e portas para o nacente se deba ao carácter sacral da proximidade do santuario.
**42**, 3 *Altar das libacións.* O vocábulo heb. *srym* (= vinte) deriva da raíz ugarítica *sr;* que significa "dar de beber", de onde o sentido de altar das libacións.
**42**, 7 Este muro separa do adro exterior o edificio, no que se gardan cousas santas.
**42**, 15ss O santuario (lit. "casa") inclúe aquí todo o conxunto das edificacións do templo, desde o adro exterior, co seu muro.

**43**, 1-12 Este texto, que é central na sección dos cc. **40-48**, consta dunha visión teofánica en espírito do proxecto do templo, onde chega a gloria de Iavé (vv. 1-5). O texto está relacionado co da teofanía da visión vocacional (**1**, 1-3), e cos da saída da gloria do antigo santuario (**10**, 18-22; **11**, 22-25). Os vv. 6-8 son un oráculo no que se proclama a función do trono da gloria, da perennidade e da santidade do templo de Iavé. Remata o texto cunha orde divina que constitúe ao profeta en lexislador das ordenanzas cúlticas (vv. 10-11), e coa lei da santidade do santuario (v. 12).

me e fíxome entrar no adro interior, e velaquí que a gloria do Señor enchía o templo.
6Entón oín un que me falaba desde o templo, mentres que o home seguía de pé ao meu lado, 7e díxome: –Fillo de Adán, aquí tes o lugar do meu trono, velaquí o sitio do estrado dos meus pés, onde eu habitarei entre os fillos de Israel para sempre. Xa non volverán profanar o meu santo Nome nin a casa de Israel nin os seus reis, coas súas fornicacións e cos cadáveres dos seus reis, e mais cos seus sepulcros. 8Pondo eles a súa portada xunto a miña portada e os marcos das súas portas ao lado dos marcos das miñas portas, e mais a parede entre min e eles, profanaron o meu santo Nome coas abominacións que cometeron: por isto os consumín levado da miña carraxe. 9Agora puxeron lonxe de min as súas fornicacións e mais os cadáveres dos seus reis, e por isto eu habitarei entre eles para sempre. 10Ti, fillo de Adán, descríbelle este santuario á casa de Israel, e que se avergoncen das súas abominacións. Que midan o plano do templo, 11e se avergoncen de todo o que fixeron. A organización do santuario e a súa estrutura, as súas entradas e as súas saídas, todas as súas ordenacións e todos os seus preceptos, todas as súas ordenacións e as súas leis, fáillelas coñecer e escríbellelas diante dos seus mesmos ollos para que observen todas as ordenacións e todas as leis do santuario e as poñan por obra. 12Esta é a lei do santuario: na cima do monte, todo terreo que lle corresponde ao santuario, todo arredor, é santísimo. Certo! Esta é a lei do santuario.

### Descrición do altar

13Estas son as medidas do altar en cóbados (este cóbado era dos de cóbado e palmo). Había unha foxa dun cóbado destes e un cóbado de ancho; e a altura do altar na súa beira era dunha cuarta todo arredor: esta era a foxa do altar. 14Desde o fondo da foxa ata o zócalo máis baixo había dous cóbados, e un cóbado de ancho; e desde o zócalo máis pequeno ata o zócalo máis grande había catro cóbados, e un cóbado de ancho.
15A sagrada elevación da ara tiña catro cóbados; e do divino fogar saían os catro cornos. 16O divino fogar tiña doce cóbados de longo por doce cóbados de ancho. Era cadrado polos seus catro lados. 17O zócalo tiña catorce cóbados de ancho por catorce de longo polos seus catro lados, e o reborde que tiña arredor medía medio cóbado. O zócalo tiña unha foxa dun cóbado todo arredor. As escadas do altar miraban ao nacente.

### Consagración do altar

18Entón díxome: –Fillo de Adán, así fala o Señor: Estes son os preceptos acerca do altar:
Cando se acabe de facer, para poder ofrecer holocaustos nel e verter sangue sobre el, 19ti haslles presentar aos sacerdotes levíticos, que son da estirpe de Sadoc, e que se achegan a min para me daren culto –é o meu Señor, Iavé, quen fala–, un becerro, fillo de vaca, para sacrificio polos pecados. 20E ti collerás do seu sangue, e untarás con el os catro cornos do altar e os catro lados, o zócalo e o reborde todo arredor, para facer sobre o altar a expiación e mais a súa propiciación. 21Collerás o becerro do sacrificio de expiación e queimaralo no lugar do templo axeitado para isto, fóra do santuario. 22O segundo día presentarás en ofrenda un chibo, sen defecto, e farase a expiación sacrificial o mesmo que se fixo co becerro. 23Cando acabes co sacrificio de expiación, presentarás a ofrenda dun becerro, fillo de vaca, sen defecto, e mais un carneiro do rabaño, sen defecto: 24presentaralos en ofrenda ante o Señor, e os sacerdotes botaranlles sal e ofreceranllos en holocausto ao Señor. 25Durante sete días, cada día farás o sacrificio de expiación co chibo e tamén se fará o sacrificio de expiación co becerro, fillo de vaca, e co carneiro do rabaño, todos eles sen defecto.

**43**, 7 O nome de Iavé resulta profanado pola prostitución sagrada e as alianzas políticas no pazo real, e pola colocación dos sepulcros rexios á beira do templo (cf 2 Re **21**, 18-26).
**43**, 8 A cercanía do pazo de David ao templo de Deus (1 Re **7**, 8) consideraa Ez como unha profanación do santuario.
**43**, 12 Esta lei nunca se cumpriu, e o proxecto grandioso do templo de Ez endexamais non se realizou. Por este motivo, os xudeus da época cristiá tiveron reparos en aceptar o libro de Ez no canon hebreo.
**43**, 13-17 Esta descrición do altar pertence ao relato das medidas do anxo que acompaña ao profeta, e este altar non se parece a ningún dos que se describen no A. T. (cf Ex **20**, 24-26; **27**,1-8; 1 Re **8**, 64; 2 Re **16**, 15). Asemellábase aos cigurats de Babilonia, máis ca a calquera outro tipo de edificación.
**43**, 13 *A foxa* tiña a misión de separar o altar do adro.
**43**, 15 *A sagrada elevación da ara*: lit. "a divina montaña". Os *cornos* nas esquinas eran sinal do poder de Iavé, a quen o altar representa.
**43**, 20 Sobre o novo altar hai que facer a expiación polas posibles contaminacións ao construílo ou antes. Co sangue vertido sobre el, vólvese sinal e instrumento da vida e da vivificación divina, da propiciación.
**43**, 24 O sal que se empregaba nas oblacións como sinal da alianza renovada con Iavé (cf Lev **2**, 13; Núm **18**, 19; 2 Cro **13**, 5) aparece aquí no holocausto, o que é estraño.

[26]Durante sete días farase a propiciación
do altar e purificarase e consagrarase. [27]Ao
pasaren estes días, o día oitavo e os seguin-
tes, os sacerdotes farán sobre o altar os vosos
holocaustos e mais os vosos sacrificios de
reconciliación e eu aceptaréivolos benevola-
mente –é o meu Señor, Iavé, quen fala.

**A porta do santuario, soamente para o príncipe**

**44** [1]O home fíxome volver en dirección
á porta exterior do santuario que mira
ao nacente, e estaba pechada. [2]Entón o Señor
díxome: –Esta porta seguirá pechada, nun-
ca se abrirá. Ninguén poderá entrar por ela
porque o Señor, Deus de Israel, entrou por
ela. Seguirá pechada. [3]Pero cando chega un
príncipe, se é príncipe, porá o seu trono ante
ela para comer a súa comida diante do Señor.
Entra polo vestíbulo desta porta e sae polo
mesmo sitio.

**Normas de admisión no santuario, e os seus responsables**

[4]Logo fíxome entrar pola porta do norte
ata a fachada do templo. Ollei, e velaquí que
a gloria do Señor enchía o templo do Señor, e
entón prostreime en adoración.

[5]O Señor díxome: –Fillo de Adán, fixa a
túa atención, mira cos teus ollos, escoita cos
teus oídos todo o que eu che vou dicir acerca
de todos os preceptos do templo do Señor
e de todas as súas leis; pon a túa atención
na entrada do templo e en todas as saídas
do santuario. [6]Dilles aos rebeldes, á casa de
Israel: Así fala o meu Señor, Iavé: Xa hai
abondo en contra vosa, con todas as vosas
abominacións, casa de Israel. [7]Pois trouxes-
tes estranxeiros, xentes sen circuncidar nin
na carne nin no corazón, para que estivesen
no meu santuario, para que profanasen a
miña mesma casa; ofrecéstesme a miña co-
mida, graxa e sangue, ao mesmo tempo que
rompiades a miña alianza con todas as vosas
abominacións. [8]Non observastes os meus
preceptos cúlticos, senón que ao voso anto-
llo puxestes no meu santuario oficiantes do
servizo cúltico. [9]Así fala o meu Señor, Iavé:
Ningún estranxeiro, home sen circuncidar
no corazón e na carne, poderá entrar no meu
santuario; si, ningún estranxeiro dos que vi-
ven entre os fillos de Israel. [10]Canto aos le-
vitas, que vos apartaron da miña presenza,
cando Israel se perdeu, e que se extraviaron
da miña presenza índose tras os ídolos, car-
garán coa súa iniquidade. [11]Eles serán no
meu santuario os encargados da vixilancia
fronte ás portas do santuario e os servidores
do santuario. Eles mesmos lle matarán ao
pobo as vítimas dos holocaustos e dos sacri-
ficios, e eles mesmos estarán de pé diante do
pobo para o serviren.

[12]Xa que veñen servindo ao pobo no culto
aos ídolos e están servindo de incitación á
casa de Israel para caer no pecado, xuro con-
tra eles coa miña man –é o meu Señor, Iavé,
quen fala– que cargarán coa súa iniquidade.
[13]Non se poderán achegar a min oficiando
como sacerdotes meus e arrimándose a todas
as miñas cousas santas no lugar santísimo,
senón que soportarán a súa vergonza e as
abominacións que cometeron. [14]Eu fágoos
encargados do servizo do templo en todos os
oficios do templo e en todo o que se fai nel.

**O sacerdocio sadoquita**

[15]Os sacerdotes levíticos, fillos de Sadoc,
que respectaron os preceptos cúlticos do meu
santuario, cando os fillos de Israel se afasta-
ban lonxe de min, só eles se achegarán a min

**43**, 26 Os *sete días* de sacrificios queren expresar a plenitude da purificación e consagración, conferida ritualmente ao altar (cf Lev **8**, 33-35).

**44**, 1-13 Toda esta sección legal sobre as normas cúlticas emprega dous termos para significar o templo, que diferenciamos na tradución: *miqdax* (= santuario), referido á edificación que contén a sala santa, o lugar máis santo ou santuario e as salas laterais; e o termo *báiit* (= casa, templo) que abrangue todas as edificacións e patios do templo, e que traducimos por "templo".

**44**, 1-2 *Esta porta* ten que ser unha das que dá entrada á sala santa. O feito de quedar pechada realza a santidade do Señor: ninguén ha de entrar por onde El entrou.

**44**, 3 Xa que o príncipe será sinal e instrumento da realeza divina, terá o seu posto para celebrar o banquete sacrificial no vestíbulo de entrada á sala santa.

**44**, 4 A presenza salvífica do Señor (= gloria), que enche todas as dependencias do templo (patios, salas...), serve de introdución teolóxica aos oráculos dos vv. 5. 6. 9, nos que sobresae a importancia das leis cúlticas (v. 5), e denúncianse as inmoralidades cometidas no santuario e na elección dos oficiantes do culto (vv. 6-8), para acabar cun oráculo que introduce as leis dos levitas (vv. 9-13).

**44**, 7 *Circuncidar ... no corazón*: é apartar dun todas as intencións e plans inmorais. As ofrendas sacrificiais son expresión da fidelidade persoal á alianza; pero, non cumprindo esta, as ofrendas non fan senón profanar o templo.

**44**, 10 O extravío do pobo, provocado polos levitas, alude á función que tiveran como sacerdotes dos santuarios locais con culto sincretista, cousa que movera a Ioxías a privalos dos seus plenos dereitos sacerdotais (cf 2 Re **23**, 8-9).

**44**, 15 O pleno sacerdocio dáselles aos membros da tribo de Leví que descenden do sacerdote Sadoc, a quen Salomón escolle para o templo despois de rexeitar a Abiatar (1 Re **2**, 27. 35). Descríbense nesta sección todas as súas funcións, privilexios e obrigas.

para me dar culto, e estarán de pé diante de min para me ofrecer graxa e mais sangue –é o meu Señor, Iavé, quen fala–. [16]Só eles entrarán no meu santuario e só eles se arrimarán á miña mesa para me daren culto, e observarán os meus preceptos cúlticos. [17]Cando entren nas portas do adro interior, han de ir vestidos con vestidos de liño; e cando actúen dentro das portas do adro interior e dentro do templo, non levarán sobre eles roupa de la. [18]Levarán nas súas cabezas turbantes de liño; e nos cadrís faixas de liño. Non levarán faixa que transpire a suor. [19]Cando eles saian ao adro exterior, onda a xente, mudarán os vestidos cos que oficiaron, e deixaranos nas habitacións do templo; vestiranse con outros vestidos, para non sacralizar o pobo cos seus vestidos. [20]Non raparán a súa cabeza, nin andarán guedelludos; cortarán decentemente o seu cabelo. [21]Ningún sacerdote beberá viño cando vaia entrar no adro interior. [22]Nin viúva nin divorciada poderán coller para eles como muller, senón virxes da liñaxe de Israel; tamén poderán escoller unha viúva, pero viúva dun sacerdote.

[23]Han de lle aprender ao meu pobo a diferenza entre o sacro e o profano, e han de lle ensinar a diferenza entre o impuro e o puro. [24]Nos preitos serán eles os que autoritariamente presidan para xulgar; conforme ao meu dereito é como han de xulgar os preitos. Gardarán as miñas leis e mais os meus preceptos acerca de todas as miñas festas, e santificarán os meus sábados. [25]Non entrarán xunto ao home morto, por mor da impureza; pero poderanse volver impuros co pai ou coa nai, cun fillo ou cunha filla, cun irmán ou cunha irmá que non teña marido.

[26]Despois de purificarse este tal, contaránselle sete días, [27]e o día que entre no santuario, no adro interior para oficiar no santuario, ofrecerá un sacrificio de expiación polo seu pecado –é o meu Señor, Iavé, quen fala–. [28]Non terán ningunha propiedade herdada: eu son a súa herdanza. Non se lles dará posesión en Israel: eu son a súa posesión. [29]Eles comerán da ofrenda e das vítimas dos sacrificios polo pecado e das vítimas dos sacrificios de expiación; e todo o que se consagra ao Señor en Israel será para eles. [30]O mellor das primicias de todo, e o mellor das contribucións sobre todo de todas as vosas contribucións será para os sacerdotes; tamén lle daredes ao sacerdote o mellor da vosa muiñada, para que a bendición descanse na túa casa. [31]Os sacerdotes non poderán comer carne morta nin ningunha carne escalazada por fera, trátese de paxaro ou de animal.

### Partilla da terra: a parte do Señor

**45** [1]Cando repartades en porcións a terra, reservade para o Señor unha parte de ofrenda, unha parte sacra separada do resto da terra, de vinte e cinco mil cóbados de longo e dez mil cóbados de ancho. Será un lugar sagrado, con todo o seu muro de separación arredor.

[2]Disto deixarase para o santuario un cadrado de cincocentos por cincocentos cóbados todo arredor, e o santuario terá arredor unha eira de cincuenta cóbados. [3]E despois destas medicións, mediredes vinte e cinco mil cóbados de longo por dez mil de ancho, pois aquí estará o santuario, o lugar máis santo, [4]o máis sagrado do país; e isto será para os sacerdotes que son ministros do santuario, os que se acercan a dar culto ao Señor. Deste xeito terán un lugar para casas e mais un lugar sagrado para santuario. [5]Vinte e cinco mil cóbados de longo por dez mil de ancho serán para os levitas, ministros oficiantes do templo; eles posuirán a súa cidade para habitar. [6]E como propiedade de tal cidade, concederédeslles cinco mil cóbados de ancho por

**44**, 17 A prohibición de roupa de lá débese á suor que causa (cf v. 18), e que podía provocar a impureza ritual.
**44**, 18 Os vestidos rituais e litúrxicos considéranse sagrados, pois están en contacto coas carnes dos sacrificios e coas ofrendas, e poden sacralizar ritualmente ao pobo, incluso con perigo de vida para o mesmo pobo (2 Sam **6**, 7). A santidade considerábase como unha forza sagrada que Deus comunicaba ás persoas e cousas do ámbito cúltico, pero que podía causar a morte a quen non estaba preparado por medio de certos ritos.
**44**, 23 O sagrado é o que pertence ao ámbito exclusivo do templo, e non se pode mesturar co profano, mentres que o puro é o que pode pasar ao ámbito sagrado por razóns da súa perfección. O impuro, en troques, non pode pasar o muro exterior do templo.
**44**, 25 O cadáver fai ritualmente impuro á persoa que o toca ou mesmo o contempla.
**44**,27 *Polo seu pecado*. O pecado ten aquí o sentido ritual de algo que impide o paso ao ámbito sagrado, e non o sentido de pecado moral.
**44**, 31 Esta prohibición é xeral para todo o pobo (Lev **7**, 24) e en especial para os sacerdotes, pois comerían o sangue do animal, que, por ser asento da vida, era considerado sagrado de vivo e profanante de morto.
**45**, 1ss Este reparto da terra comeza polo solar do santuario, a súa eira, que salienta o seu carácter sagrado (v. 2), e o solar para os sacerdotes (vv. 3-4), para os levitas (v. 5) e para o pobo (v. 6), todo con enormes dimensións. Esta distribución crea dúas cidades, separadas a cada lado do corpo do templo (v. 7): a dos levitas e a da casa de Israel, pois as vivendas dos sacerdotes, aínda que moi afastadas do templo, constitúen un conxunto co templo.
**45**, 5 *A súa cidade para habitar*: texto reconstruído segundo a versión grega.

vinte e cinco mil cóbados de longo, ao lado
da parte destinada ao santuario; isto será de
toda a casa de Israel. 7Ao príncipe tocaralle
a un lado e ao outro do lugar do templo e da
parte da cidade, enfronte ao lugar do templo
e enfronte ao lugar da cidade, polo lado do
poñente, cara ao mar; e polo lado do nacente,
cara ao nacente, e a longura será do mesmo
xeito para cada unha das partes: desde a fron-
teira do poñente ata a fronteira do nacente
8do país. Esta será a súa propiedade en Israel,
e os meus príncipes xa non volverán oprimir
o meu pobo, senón que lle repartirán a terra á
casa de Israel segundo as súas tribos.

9Así fala o Señor, Deus:
Xa hai abondo convosco,
príncipes de Israel!
Deixade a opresión e a violencia;
practicade o dereito e a xustiza;
retirade as vosas explotacións
de sobre o meu pobo
–é o Señor, Deus, quen fala–.

10Usade balanzas fieis e fanegas xustas e
canadas xustas. 11Que o *efah* e o *bat* teñan
a mesma cabida: o *bat* que levante a décima
parte do *hómer*, e o *efah* que levante tamén
a décima parte do *hómer*: que a súa propor-
ción se faga con *hómer*. 12O siclo son vinte
*gueras*; vinte siclos máis vinte e cinco siclos
máis quince siclos serán para vós unha mina.
13Este será o imposto que vós recolleredes:
seis *efah* por *hómer* de trigo e outros seis
*efah* por *hómer* de centeo. 14Velaquí o pre-
cepto do aceite, do *bat* de aceite: a décima
parte dun *bat* por cada *kor*, pois dez *bat* fan
un *hómer* e tamén dez *bat* fan un *kor*. 15Ta-
mén unha res do rabaño por cada duascentas
reses do ben regado chan de Israel será para
a ofrenda, para o holocausto, para o sacrifi-
cio de comuñón, para facer a expiación sobre
eles –é o meu Señor, Iavé, quen fala–.

16Toda a poboación do país terá parte nes-
ta contribución a favor do príncipe de Israel,
17pois o príncipe é o responsable dos holo-
caustos, da ofrenda, das libacións nas festas,
nas lúas novas, nos sábados e en todas as
romarías da casa de Israel. El mesmo fará o
sacrificio polos pecados, a ofrenda, o holo-
causto e os sacrificios de comuñón para facer
a expiación en favor da casa de Israel.

18Así fala o meu Señor, Iavé: O día primei-
ro do primeiro mes collerás un becerro, fillo
de vaca, sen defecto, e purificarás de pecados
o santuario. 19O sacerdote collerá o sangue
do sacrificio de purificación dos pecados, e
untará con el os marcos do santuario, as ca-
tro esquinas do zócalo do altar e os marcos
da porta do adro interior. 20O mesmo has de
facer o día sete dese mes, por mor do home
que pecou por descoido ou por ignorancia, e
así faredes a expiación do templo. 21O día ca-
torce do mes primeiro celebraredes a Pascua,
unha festa de sete días, nos que se comerá
pan sen fermento. 22Ese día, o príncipe ofre-
cerá un becerro en sacrificio de expiación
por si mesmo e por toda a poboación do país.
23Durante os sete días de festa, ofreceralle ao
Señor, cada día, un holocausto de sete bece-
rros e sete carneiros, sen defecto. Durante os
sete días tamén ofrecerá, cada día, un sacri-
ficio de expiación polo pecado, un chibo, 24e
fará a ofrenda dun *efah* de fariña por becerro
e doutro *efah* por carneiro e dun *hin* de aceite
por cada *efah* de fariña.

25Na festa do día quince do sétimo mes
farase o mesmo que nestes sete días: os mes-
mos sacrificios de expiación polo pecado, os
mesmos holocaustos, a mesma ofrenda e o
mesmo aceite.

**46** 1Así fala o meu Señor, Iavé: A porta do
adro interior que dá ao nacente estará
pechada os seis días de traballo; pero o sá-
bado e o día da lúa nova abrirase, 2para que
desde fóra entre o príncipe polo vestíbulo da
porta e se quede de pé xunto aos marcos des-
ta porta. Logo, os sacerdotes ofrecerán o seu
holocausto e o seu sacrificio de comuñón, e
el prostrarase no vestíbulo da porta, e logo
sairá. A porta non se pechará ata o serán. 3Os
sábados e pola lúa nova a xente toda do país
prostrarase diante do Señor, á entrada desta
porta. 4O holocausto que ofrecerá o príncipe
ao Señor será este: os sábados, seis años sen
defecto e un carneiro sen defecto, 5e mais a

**45**, 7-12 O texto comeza coa indicación da parte de terras para o príncipe (v. 7), de xeito que este non explote ao pobo (v. 8). No v. 9 comeza un oráculo de exhortación á xustiza para os príncipes futuros, no que se expresan as proporcións entre as diferentes unidades de medida que han de empregar nos impostos destinados ao culto (vv. 13-17).

**45**, 7 Non se menciona o rei, senón o príncipe, pois a realeza é exclusiva de Iavé, volvendo así á tradición teolóxico-profética de Samuel (1 Sam **8**, 1-21) e aos antigos costumes de Israel.

**45**, 13-16 O *príncipe,* lonxe de abrasar ao pobo con impostos, será só o responsable das ofrendas e do culto nesta nova sociedade cultual. Téñase en conta que o mesmo pobo, especialmente os pobres, participan nas comidas sacrificiais destas ofrendas.

**45**, 18-**46**, 15 Esta sección relativa ás festas non é un catálogo, senón a concreción dos sacrificios que o príncipe ten que ofrecer obrigatoriamente no nome do pobo.

**45**, 21 A festa dos Ácimos aparece vinculada coa da Pascua, que volve ser festa de romaría.

**46**, 5 *Da súa libre vontade* (lit. "da súa man").

ofrenda dun *efah* de fariña; polo carneiro e polos años, a ofrenda da súa libre vontade; e un *hin* de aceite, por cada *efah* de fariña. [6]Os días da lúa nova comporán o holocausto do príncipe un becerro, fillo de vaca, sen defecto, seis años e un carneiro, sen defecto. [7]O príncipe tamén fará a ofrenda dun *efah* de fariña polo becerro e un *efah* polo carneiro e polos años, segundo libremente queira, e mais un *hin* de aceite por *efah* de fariña.

[8]Cando entre o príncipe, entrará polo vestíbulo da referida porta, e logo sairá polo seu mesmo camiño. [9]Pero cando, durante as festas, a xente toda do país entre diante do Señor, os que entren pola porta do norte para prostrarse en adoración, sairán pola porta do sur; e os que entren pola porta do sur, sairán pola porta do norte: non se volverán atrás pola mesma porta pola que entraron, sairán por enfronte desta porta. [10]O príncipe entrará con eles, cando eles entren; e, cando saian, sairán xuntos.

[11]Nas festas de romarías e nas solemnidades, a ofrenda consistirá nun *efah* de fariña polo becerro; e un *efah* polo carneiro; e polos años, segundo a súa libre vontade; e un *hin* de aceite, por *efah* de fariña.

[12]Cando o príncipe queira ofrecer ao Señor un holocausto da súa libre vontade ou un sacrificio de comuñón da súa libre vontade, abriráselle a porta que mira ao nacente e fará o seu holocausto e o seu sacrificio de comuñón como o fai os sábados; logo sairá e pecharase a porta, despois de que el saia. [13]Ofrecerás ao Señor en holocausto diario un año, fillo de ovella, sen defecto; ofreceralo todas as mañás. [14]Como ofrenda, ti ofrecerás todas as mañás a sexta parte dun *efah* de fariña e a terceira parte dun *hin* de aceite para mollar a fariña: será unha ofrenda ao Señor de obrigación perpetua para sempre. [15]Ofrecerán todas as mañás o año, a ofrenda e o aceite en holocausto perpetuo.

[16]Así fala meu Señor, Iavé: Cando o príncipe lle faga un regalo a algún dos seus fillos, ese regalo será para os seus fillos; a súa parte de herdanza e o dereito de propiedade deles será por herdanza. [17]Cando o príncipe lle faga un regalo, do que lle pertence como herdanza, a un dos seus servidores, o regalo será del ata o ano da liberación: entón volverá ao príncipe; a súa herdanza só será para os seus fillos: é a eles a quen lles pertence. [18]O príncipe non collerá nada do que é xa herdanza do pobo, expropiando as súas posesións. Das súas posesións só fará herdeiros aos seus fillos, para que ninguén do meu pobo se disperse, privado da súa propiedade.

[19]Pola entrada que está ao lado da porta, fíxome entrar nas estancias do santuario reservadas aos sacerdotes, as que miran ao norte. E velaí que alí había un local na parte de atrás, cara ao poñente.

[20]Entón díxome: –Este é o local onde os sacerdotes farán ferver as vítimas dos sacrificios de expiación e dos sacrificios polo pecado, e onde cocerán no forno a ofrenda, para, deste xeito, non saíren ao adro exterior e non consagraren o pobo.

[21]Logo fíxome saír ao patio exterior e fíxome pasar polas catro esquinas do adro, e había un patio nunha esquina do adro e outro patio na outra esquina do adro. [22]Nas catro esquinas do adro había patios cercados, de corenta cóbados de longo por trinta de ancho: os catro patios das esquinas medían o mesmo. [23]Os catro tiñan unha fila de bufardas todo ao redor delas, e cociñas preparadas por debaixo das bufardas todo arredor.

[24]Entón díxome: –Estas son as cociñas, onde os servidores do templo cocerán os sacrificios do pobo.

**47** [1]Logo fíxome volver á entrada do templo, e velaquí que debaixo do vestíbulo do templo saía auga cara o nacente, pois a fachada do templo daba ao nacente e a auga baixaba polo lado dereito do templo, ao sur do altar. [2]Logo fíxome saír pola porta do norte e dar a volta polo exterior ata a porta exterior, que mira ao nacente, e velaquí que a auga ía correndo pola ladeira dereita. [3]Cando o home saíu cara o nacente, levaba un cordel

**46**, 16-18 A parte de terras do príncipe é inalienable: a herdanza non pode saír da familia, que rescata, no ano xubilar, as posibles doazóns do pai (cf Lev **25**, 2-7).

**46**, 22 *Patios das esquinas*: é unha tradución moi segura dun termo descoñecido, que os LXX, a Vulgata e as versións sirias omitiron, e que os masoretas marcaron con puntos por derriba.

**46**, 23 *Bufardas*. O termo hebreo *tor* (= "tirah") non ten sentido claro. Polo contexto, deben ser unhas saídas para o fume.

**47**, 1-12 A presenza dunha fonte na beira dos santuarios era obrigada por causa de impedir que o sangue secase e volvese impuro o santuario. Por iso, en Xerusalén había a de Guihón (1 Re **1,** 33-40) e a de Xiloé. Estas fontes tiveron o valor simbólico de sinais do poder vivificador do Señor (cf Xn **9**, 6-7). Nesta construción ideal das realidades novas o profeta fai saír a fonte de debaixo do santuario onde habita a gloria do Señor (vv. 1-2). Esta convértea en río caudaloso (vv. 3-6), que vivifica o país ata nos seus elementos mais esmorecentes.

O *mar Morto* e a estepa desértica da Arabah (vv. 7-10) han ser vivificadas por esas augas (cf Ap **22**, 1ss).

**47**, 1 *Templo* (lit. "casa"). Refírese aquí ao edificio da sala do Santo.

na súa man e mediu mil cóbados; logo fíxome atravesar pola auga, que me chegaba aos nocellos. 4Volveu medir mil cóbados, e fíxome atravesar polas augas, que me chegaban ata os xeonllos; volveu medir mil cóbados, e fíxome atravesar: a auga ata a cintura! 5Volveu medir mil cóbados: era un río que eu non era capaz de cruzar. Tanto subiran as augas, que eran augas de nadar, un río que non se podía cruzar.

6Entón díxome: –Viches, fillo de Adán?

Logo fíxome dar a volta, e levoume á beira do río. 7E cando dei a volta, velaquí, á beira do río, un enorme arboredo dun lado e do outro.

8Entón díxome: –Esta auga está correndo cara á bisbarra do nacente, e baixará sobre a Arabah e entrará no mar Morto; estas augas conducidas cara o mar, quedarán de certo saneadas. 9E todo ser vivente, que rebula en calquera lugar onde vai tal río, vivirá; peixes haberaos abondo, pois estas augas chegarán alí e farán revivir todo o lugar: onde desemboque o río haberá vida.

10E os pescadores estarán de pé
á beira do río:
desde En-Guedí ata Eneglaim
haberá secadoiros para as redes;
os seus peixes serán por especies
tan abundantes coma os peixes
do Mediterráneo.
11Nas súas marismas e nas súas lagoas
non haberá saneamento,
senón que se deixarán para ter sal.
12Á beira do río, nunha marxe e noutra,
medrará toda clase de árbores froiteiras:
a súa follaxe non murchará,
e a súa froita non acabará,
senón que cada mes dará
unha nova colleita,
pois as augas do río
son as que saen do santuario;
por isto a súa froita servirá para comer,
e as súas follas servirán para remedios.

13Así fala o Señor, Deus: Estas son as marxes, dentro das que vós repartiredes a propiedade da terra entre as doce tribos de Israel: a Xosé tocaranlle dúas partes de terra. 14Repartiredes a terra, tocándolle a cada un o mesmo ca a seu irmán, xa que eu xurei coa man levantada, que llela daría aos vosos pais, e por iso esta terra tocaravos a vós en partes de herdanza.

15Estes son os lindeiros do país: polo lado do norte: desde o mar Mediterráneo, polo camiño de Hetlón, entrando en Sedadah, 16Hamat, Berotah, Sibraim entre a marxe de Damasco e a marxe de Hamat, Haser do medio que está cerca do territorio de Haverán. 17Así esta fronteira irá desde o mar ata Haser Enón, lindando co territorio de Damasco polo norte, e ao norte tamén o territorio de Hamat. Tal será o lado norte. 18Polo lado do nacente: medide vós entre Haverán e Damasco, e entre Galaad e a terra de Israel, logo o Xordán será o linde ata o mar do nacente. Tal será o lado do nacente. 19Polo lado do Négueb, cara ao sur: desde Tamar ata o oasis de Meribah de Cadex, na dirección do río e ata o mar Mediterráneo: tal será o lado do sur, na dirección do Négueb. 20E polo lado do poñente: o mar Mediterráneo serve de marxe fronte á entrada de Hamat: este é o lado do poñente.

21Vós repartirédesvos a terra esta entre as tribos de Israel, 22pero farédelo botando ás sortes as partes da herdanza para vós e para os estranxeiros que viven entre vós, os que xa tiveron fillos entre vós; serán para vós como nativos entre os fillos de Israel, e con eles botaredes ás sortes as partes da herdanza no medio das tribos de Israel. 23Será na tribo na que resida o estranxeiro onde lle daredes a súa parte de herdanza –é o Señor, Deus, quen fala–.

**48** 1Estes son os nomes das tribos: Desde o extremo norte, seguindo cara á comarca que se atopa camiño de Hetlón, á entrada de Hamat, seguindo cara a Masar-Enán, e a fronteira de Damasco cara o norte, e á comarca de Hamat: todo desde o lado do nacente ata o poñente, esta será a parte de Dan. 2Á beira do territorio de Dan, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Axer. 3Á beira do territorio de Axer,

**47**, 8 Entendemos a Arabah no sentido xeográfico, pois leva artigo: a depresión xeolóxica que deu orixe ao mar Morto ou mar da Arabah.

**47**, 9 *Farán revivir* (lit. "curarán"). A alta salinidade do mar Morto impide a vida dos peixes e todo tipo de vida mariña.

**47**, 13-23 A terra prometida que se ten que repartir redúcese á Cisxordania, pois soamente nesta terra houbo santuarios e contactos coas tradicións patriarcais (cf Xos **22**).

Esta separación xeográfica aparece en Núm **32**. As marxes inclúen a Filistea e a Fenicia. Aínda que algúns lugares non están localizados, a terra prometida está entre o mar Mediterráneo e a liña do mar Morto (mar do Nacente), e desde o Xordán ata a fronteira de Damasco. Polo N, a fronteira de Hamat e de Damasco; e polo S, o "wadi" de Exipto e o deserto do Négueb.

**47**, 22-23 A asimilación do estranxeiro concorda coa lexislación de Ex **12**, 48s e Dt **23**, 3-8, pois, ao circuncidarse, pode participar na Pascua cos membros do pobo.

desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Naftalí. [4]Á beira do territorio de Naftalí, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Menaxés. [5]Á beira do territorio de Menaxés, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Efraím. [6]Á beira do territorio de Efraím, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Rubén. [7]Á beira do territorio de Rubén, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Xudá. [8]Á beira do territorio de Xudá, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará a ofrenda de terra que vós ofrendaredes, de vinte e cinco mil cóbados de longo e de ancho, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, o mesmo que cada unha das outras partes. No medio dela estará o santuario. [9]A ofrenda de terra que vós ofrendaredes ao Señor será de vinte e cinco mil cóbados de longo e dez mil de ancho.

[10]A ofrenda da terra para o santuario será para estes:

Para os sacerdotes: vinte e cinco mil cóbados de longo ata o norte; cara o poñente, dez mil cóbados de ancho; cara o nacente, dez mil cóbados; e cara o sur de ancho, vinte e cinco mil cóbados; e no medio estará o santuario do Señor. [11]Para os sacerdotes, os consagrados de entre os fillos de Sadoc, que cumpriron as miñas prescricións cúlticas pois non se desviaron, cando se extraviaron os fillos de Israel, como se desviaron os levitas, [12]eles terán unha parte ofrecida da ofrenda da terra, a parte máis santa, ao lado do territorio dos levitas. [13]En canto aos levitas, o seu territorio será parello ao dos sacerdotes: vinte e cinco mil cóbados de ancho e dez mil de longo. En total, o ancho da ofrenda da terra será de vinte e cinco mil cóbados e dez mil ao longo. [14]Non poderán vender nada, nin se poderá cambiar nin traspasar nada desta parte da terra, pois é cousa consagrada ao Señor.

[15]Os cinco mil cóbados que quedan de longo ao lado dos vinte e cinco mil, serán a zona profana da cidade, para solares e pasteiros comunais; e no medio estará a cidade. [16]As súas dimensións serán estas: pola banda do norte, catro mil cincocentos cóbados; e pola banda do sur, catro mil cincocentos cóbados; pola banda do nacente, catro mil cincocentos cóbados; e pola banda do poñente, catro mil cincocentos cóbados.

[17]Os pasteiros comunais da cidade terán: cara o norte, douscentos cincuenta cóbados; cara o sur, douscentos cincuenta cóbados; cara o nacente, douscentos cincuenta; e cara o poñente, douscentos cincuenta cóbados.

[18]O que queda dentro da anchura proporcional á ofrenda da terra do santuario, serán dez mil cóbados cara o nacente e dez mil cóbados cara o poñente, e será proporcional á ofrenda da terra do santuario; e co que produza comerán os empregados da cidade. [19]Os empregados da cidade, procedentes de todas as tribos de Israel, serán os que traballen este resto.

[20]O total da ofrenda da terra será de vinte e cinco mil cóbados por vinte e cinco mil, e a cuarta parte dela ofrecerédela en ofrenda sacra para a propiedade da cidade. [21]O resto será para o príncipe, a un lado e ao outro da terra ofrendada ao santuario e da propiedade da cidade: desde a fronteira de vinte e cinco mil cóbados da ofrenda da terra ata a fronteira do nacente; e polo poñente, desde a fronteira de vinte e cinco mil cóbados ata a fronteira do poñente. Ao príncipe corresponderalle igual ca as outras partes, pero terá no medio a ofrenda da terra para o santuario e o santuario do templo. [22]Desde a propiedade dos levitas e desde a propiedade da cidade, no medio dos terreos para o príncipe, entre a fronteira de Xudá e a parte de Benxamín, estarán os terreos para o príncipe.

[23]Resto das tribos: desde o lado do nacente ata o lado do poñente estará o territorio de

**48**, 1-35 Tan artificial e afastada da historia como as fronteiras de Israel, é a distribución dos territorios das súas tribos. Esta artificialidade responde a un plan teolóxico: as partes das sete tribos do Norte (vv. 1-7) queren expresar a total defensa da parte ofrendada ao Señor (vv. 8-22), pois o perigo sempre vén do Norte. As outras cinco tribos sitúanse ao Sur (vv. 23-29), e todas elas en franxas de terra do mesmo ancho, desde o Mediterráneo ata o mar Morto, ao Xordán e á fronteira de Damasco. A parte central é a parte da ofrenda para o Señor; no seu centro está o templo; a cidade dos sacerdotes e a dos levitas é a única cidade para todas as tribos, quedando o resto da parte central para o príncipe (vv. 8-22). O carácter central da cidade sublíñase coa conclusión (vv. 30-35), pois as súas doce portas están adicadas a cada unha das tribos patriarcais, e o nome da cidade expresa o seu carácter teolóxico (a cidade da presenza do Señor).

**48**, 1 *Os nomes*: inclusión literaria con "o nome da cidade" (do final do v. 35). Esta inclusión quere expresar a relación das tribos con Iavé, mediante partes na herdanza e a realidade da presenza salvífica de Deus no templo. Os nomes (presenza dinámica) das tribos concrétanse na posesión da terra, que reciben do Señor.

**48**, 4-5 Figuran aquí os nomes dos fillos de Xosé -Efraím e Menaxés-, procreados por el en Exipto (cf Xén **48**), mentres que nos nomes das portas aparece o de Xosé e o de Leví (vv. 31-32).

**48**, 8-22 Cf notas a **44**, 1-31 e **45**, 1ss.

Benxamín. [24]Á beira do territorio de Benxamín, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Simeón. [25]Á beira do territorio de Simeón, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Isacar. [26]Á beira do territorio de Isacar, desde o lado do nacente ata o lado do poñente, estará o territorio de Zebulón. [27]Á beira do territorio de Zebulón, desde a banda do nacente ata a banda do poñente, estará o territorio de Gad. [28]Á beira da fronteira estará Gad, cara á fronteira do Négueb cara o sur; e a fronteira será desde Tamar, e o oasis de Meribah de Cadex, seguindo o río cara o mar Mediterráneo. [29]Esta será a terra que vos repartiredes ás sortes de entre a herdanza que lles pertence ás tribos de Israel, e estas son as partes –é o Señor, Deus, quen fala–.

[30]Estas serán as saídas da cidade: pola cara do norte, catro mil cincocentos cóbados de medida, [31]e as portas da cidade serán motivo para lembranza das tribos de Israel. Polo norte tres portas: a porta de Rubén, a porta de Xudá e a porta de Leví. [32]Pola cara do nacente catro mil cincocentos cóbados e tres portas: a porta de Xosé, a porta de Benxamín e a porta de Dan. [33]O lado sur terá catro mil cincocentos cóbados de medida e tres portas: a porta de Simeón, a porta de Isacar e a porta de Zebulón. [34]A cara do poñente terá catro mil cincocentos cóbados e tres portas das tribos: a porta de Gad, a porta de Axer e a porta de Naftalí. [35]A volta será de dezaoito mil cóbados.

E desde ese día o nome da cidade será "O Señor está alí".

**48**, 35 *O Señor está alí* é unha expresión que reflicte o carácter escatolóxico do novo templo e da restauración postexílica. En Ap **22**, 20-21, o dito Marana tha expresa unha realidade teolóxica, pero como esperanza da súa chegada: nisto diferénciase fundamentalmente a escatoloxía de Ez da apocalíptica cristiá (cf libro da Ap).

# INTRODUCIÓN A DANIEL

*Este libro naceu nunhas circunstancias socioculturais ben distintas das do noso entorno. Para o seu estudio, precisamos coñecer a problemática que moveu ao escritor, o obxectivo que desexou acadar para os seus lectores coa súa obra e ver que método xulgou máis axeitado para se facer comprender dos seus contemporáneos. Cumpridos estes requisitos, será fácil chegar ao miolo deste escrito inspirado, aparentemente tan complicado, pero de latexante actualidade.*

## 1. A data e o autor

*As grandes achegas da moderna crítica histórica e literaria contribuíron de maneira decisiva a desfacer algúns erros moi xeneralizados durante moitos séculos acerca deste libro: case todo o mundo coidaba que fora escrito por un notable profeta dos tempos do exilio de Babilonia (século VI a. C.) que se chamaría Daniel; tiñanse tamén por históricas as narracións que describen toda unha variedade de episodios da súa vida exemplar.*

*Esta tese tradicional deixaba sen resposta un bo número de interrogantes que se desprenden dunha análise crítica:*

*Se o autor escribe no tempo do exilio, ou axiña despois do mesmo, non é fácil explicar certas inexactitudes históricas, tales como:*

*-Que houbese unha deportación no ano terceiro de Ioaquim (605). Si que as houbo nos anos 598 e 587.*

*-Que fose Baltasar o último rei de Babilonia, sendo que historicamente consta que o último foi seu pai, Nabónid..*

*-Que Darío sucedese a Baltasar, pois quen colleu o dominio de Babilonia coincidindo co remate do exilio dos xudeus foi Ciro de Persia (539).*

*Por outra banda, resulta convincente pensar que o escritor do libro tivo que ser un xudeu do século segundo antes de Cristo, polo feito de que coñece con todo detalle a historia dos reis ptolomeos e seléucidas. A esta proba engádense outras non menos importantes: Doutrinalmente o libro de Daniel amosa unha evolución notable con certos aspectos, como a anxeloloxía, a resurrección individual e a retribución na outra vida. Lingüisticamente pódese comprobar que, tanto o hebreo coma o arameo do texto orixinal, son propios dos últimos séculos veterotestamentarios. Nótese, finalmente, que o libro de Daniel figura na Biblia hebrea dentro da colección máis recente dos libros inspirados –os "Escritos" (heb. Ketubim)–, o que quere dicir que non existía tal obra cando se considerou clausurada a colección dos libros proféticos. É mesmo significativo que non se faga alusión a Daniel na lembranza dos grandes personaxes da historia israelita que fai o Eclesiástico (cc. **44-49**) arredor do ano 180 a.C.*

*O autor insiste moito na tremenda persecución relixiosa desencadeada por Antíoco IV Epífanes; todo fai supor que escribiu naquel intre crítico que vai do 167 ao 164 a. C., ano en que Israel recobra certo acougo coa relativa vitoria dos Macabeos e se volve dedicar o templo profanado ao Señor (decembro do 164). A maneira inexacta de anunciar a fin tráxica de Antíoco Epífanes é sinal de que o libro estaba xa escrito cando el faleceu en Persia no 163.*

*Non se pode descartar a posibilidade de que o autor usase distintas fontes escritas para a composición da súa obra; ata puido ser escrita en etapas sucesivas. O máis importante é que podemos constatar unha verdadeira unidade ao longo de todo o escrito, percorrido como está todo el por unha mesma finalidade e un idéntico criterio teolóxico; non é obstáculo, nin a duplicidade de xéneros literarios empregados que veremos decontado, nin sequera a estraña triplicidade de linguas en que está escrito o texto antigo: en hebreo, **1**, 1-**2**, 4a, e mais do c. **8** ao **12**; en arameo, do **2**, 4b ao **7**, 28; en grego, **3**, 24-90 e mais os cc. **13** e **14**.*

## 2. Panorama histórico

*Un repaso do período histórico que vai mostrar este libro parece útil e mesmo necesario.*

2.1. *O desterro en Babilonia. No ano 598/7, Nabucodonosor conquista Xerusalén e deporta xente a Babilonia. Uns anos máis tarde (587/6) causa a máis terrible humillación ao pobo de Deus: o templo queda saqueado e arrasado, as casas desfeitas, houbo moitos mortos e a xente máis útil foi deportada a Babilonia; todo un pobo esnaquizado física e moralmente..*

2.2. *A dominación persa (538-333). Babilonia –o imperio dominador– foi perdendo consistencia, e o rei persa Ciro acabou por absorbelo totalmente. A sorte de Palestina*

*mellorou: Ciro (538) decretou inmediatamente o libre retorno dos exiliados a Palestina, e a reconstrución do templo de Xerusalén á conta do Estado (cf Esd **1**-6) e devolveu os obxectos do mesmo, roubados por Nabucodonosor.*

2.3. *O período helénico (333-63 a. C.). O dominio persa chegou ao seu remate cando Alexandre, rei de Macedonia-Grecia, invade o Medio Oriente e inflixe unha forte derrota aos persas en Isos (Siria). Conquista decontado Exipto e mais Palestina e, seguidamente, o resto dos territorios persas. Pero no 323 falece sen deixar herdeiro. Na Palestina mandarán os ptolomeos ou láxidas.*

*No ano 198 o imperio seléucida, baixo o mando do rei Antíoco III, venceu a Ptolomeo V e apoderouse de Palestina; os xudeus acolleron o cambio de amo con certo agrado, pero a euforia non lles ía durar moito. En efecto, os reis seléucidas –movidos por intencións políticas– trataron axiña de impor os costumes e mais a relixión grega a Israel, sen se decataren da transcendencia desta medida. Todos eles tiveron pouco en conta a sensibilidade relixiosa dos pobos sometidos. Antíoco IV Epífanes, o máis atroz de todos eles, despoxou varios templos pagáns, e tampouco deixou a salvo o templo de Xerusalén: no 169, en retornando dunha campaña vitoriosa contra Exipto, arrincou as láminas de ouro da fachada do templo e levou consigo cantos obxectos tiña de valor (cf 2 Mac **5**, 5-10).*

*Destituíu a Onías III do sumo sacerdocio e deullo a quen máis lle ofreceu por el: primeiro a Iasón e despois a Menelao, cada un máis acérrimo defensor da helenización. A tensión irreconciliable entre a corrente xudaica tradicional e a helenizante levou a Antíoco sempre moi preocupado por consolidar a unidade dos seus dominios a ditar unha lei catastrófica: a prohibición total da relixión xudaica coas conseguintes observancias e mais a destrución das copias da Lei (1 Mac **1**, 41-64; 2 Mac **6**, 1-11). Para colmo de todo, en decembro do ano 167, dedicou o templo de Xerusalén ao culto de Zeus Olímpico (2 Mac **6**, 2).*

*A reacción dos xudeus, empeñados na fidelidade aos seus principios relixiosos, foi dobre:*

*a. Un sector importante coidou que era necesario o recurso ás armas, e, capitaneados por Xudas Macabeo, botáronse contra o poder opresor como feras acurraladas.*

*b. Outro sector de xudeus máis piadosos consideraron improcedente o recurso á violencia e optaron por poñer o asunto nas mans de Deus; coidaron que era unha dura proba que Deus lles mandaba para os purificar e que a debían aceptar con espírito resignado e confiando en que Deus os sacaría adiante. Esta é a tese exposta pola literatura apocalíptica; neste caso concreto o portavoz será o libro de Daniel.*

### 3. Xéneros literarios do libro

*O libro de Daniel presenta unha combinación de dous xéneros literarios moi de moda nos derradeiros séculos do A. T.*

3.1. *Hai unha parte narrativa de carácter didáctico (Dn **1-6** e **13-14**) que, polo procedemento empregado, se pode dicir típica da cultura bíblica; coñécese co nome de "midrax haggádico". Consiste no emprego de relatos tomados de tradicións antigas ou da mesma revelación escrita anterior, que poidan dar luz para descubrir o sentido dunha problemática concreta. Para actualizar unha tradición oral ou escrita, de xeito que ilustre o mellor posible a lección ético-relixiosa ofrecida, o escritor pode introducir eventuais modificacións no relato. Desde logo que cae fóra da intención do autor midráxico examinar criticamente o valor histórico das tradicións que emprega: só pretende adoutrinar os lectores, inculcando uns valores relixiosos. Non se exclúen neste xénero nin sequera posibles elementos lendarios: poden incluso aproveitarse estes para matizar o obxectivo perseguido. Polo tanto, non vén a nada tachar ao autor de mentireiro ou de ignorante por inexactitudes históricas ou esaxeracións que de feito poden conter escritos desta clase. Os relatos do libro de Daniel pretenden edificar espiritualmente: confortar e soster a fe dos xudeus que están sufrindo as consecuencias da persecución de Antíoco Epífanes, facéndolles ver como Deus protexe sempre aos que se manteñen fieis na proba. A conduta de Daniel e mais os seus compañeiros é un exemplo a seguir (cf Dn **1-6**); o orgullo dos pagáns, algo que Deus non tolerará endexamais (Dn **4-6**); a idolatría, unha mentira que se debe desenmascarar para a deixar en evidencia (Dn **14**).*

3.2. *O libro ten outra parte que é propiamente apocalíptica (Dn **7-12**). Cómpre notar que a literatura apocalíptica foi moi popular e abundante na tradición xudiacristiá; a súa época principal cubriu os dous derradeiros séculos do A.T. e os dous primeiros do N.T. Con todo, a Biblia só ten*

*dous libros escritos, neste xénero literario: Daniel e a Apocalipse de Xoán. Non naceu este tipo de literatura por xeración espontánea: é herdeira da profecía; o parecido pode verse sobre todo en Ezequiel, Zacarías e Malaquías. Caracterízase especialmente polo emprego sistemático do símbolo e das imaxes alegóricas (cf Introd. á Ap). É polo que se nos fai necesario coñecer algo a simboloxía coa que estaban moi familiarizados os xudeus daquel entón. Os números acostuman ter un valor máis cualitativo ca cuantitativo: o sete, por exemplo, significa plenitude ou perfección; mentres que, a súa metade (3,50) significa a imperfección, o sufrimento e a persecución. Hai tamén un simbolismo cromático: a cor branca simboliza a vitoria e a alegría; a cor negra, a morte e a tristura; a escarlata e mais a púrpura, o luxo e a magnificencia. A miúdo os imperios aparecen representados por certos animais, e os seus cornos fan alusión aos seus reis. Xeralmente válese diso o escritor presentando visións extáticas ou soños que encarreiren a súa mensaxe; o significado de tales escenas expono case sempre un anxo. Nestes escritos a anxeloloxía experimenta un desenvolvemento notable: cada anxo ten unha misión específica que cumprir, secundando a soberana vontade de Deus.*

*Como todas as apocalipses, nace Daniel nun ambiente de profunda crise e persegue un obxectivo concreto: animar e confortar o pobo de Deus, para que viva conforme aos principios da súa fe. O escritor coñece ben as constantes da historia pasada, sabe que o seu pobo xa viviu noutros tempos situacións moi críticas e sobreviviu a todas elas. Haino que dicir: Deus é o Señor absoluto da natureza e da historia, nada acontece sen ser permitido e mesmo sen estar dirixido por quen ten nas súas mans o destino de canto existe. E ese Deus orienta a historia a favor dos crentes, pois é fiel ás promesas.*

*A percepción máis grandiosa da maxestade divina queda reservada para o momento vindeiro da implantación definitiva do reino de Deus. A perspectiva escatolóxica é decote elemento esencial e suscita unha visión esperanzada e optimista do crente, a pesar dos sufrimentos presentes. A fe ve seguro e próximo o triunfo decisivo da causa de Deus e a conseguinte destrución do mal.*

*Case todas as apocalipses empregan a técnica da pseudonimia, é dicir, o autor atribúe o seu libro a un personaxe distinguido do pasado, que poida ter algunha relación coa problemática actual. Por esta razón, o escritor do libro de Daniel pensa nun xudeu cumpridor que está vivindo no desterro babilónico; fai un resumo dos catro séculos transcorridos desde aquela dura proba vivida por Israel ata o momento de se escribir o libro, e preséntao aos lectores como unha revelación recibida no tempo do exilio por Daniel, co encargo de que non se dea a coñecer a ninguén ata chegar o tempo final do cumprimento de todas as cousas preditas, ou sexa, a época en que se escribe o libro. Deste xeito predispón ao lector a ler na historia a realización do proxecto de Deus, séntese en condicións de intuír cal vai ser o seu proceder naquel momento tan crítico para o seu pobo e albisca o desenlace final da historia: a era mesiánica.*

*Concluíndo: Deus non é alleo a ningunha vicisitude que experimentan os seus. Os sufrimentos de Israel non son unha cousa absurda, senón que tamén eles forman parte do plan de Deus para o purificar e preparar a recibir a salvación total. Polo tanto, fe inquebrantable nos designios de Deus e esperanza firme nas súas promesas; detrás da morte está a resurrección e o gozo perenne.*

# DANIEL

## I. EPISODIOS DA HISTORIA DE DANIEL

### Daniel e mais os seus compañeiros en Babilonia

**1** [1]No ano terceiro de Ioaquim, rei de Xudá,
chegou a Xerusalén Nabucodonosor, rei
de Babilonia, e asediouna. [2]O Señor puxo
nas súas mans a Ioaquim, rei de Xudá, e mais
boa parte dos vasos da casa de Deus, que fixo
levar para o país de Xinar. Os vasos depositounos na casa do tesouro dos seus deuses.

[3]O rei ordenou a Axpenaz, xefe dos oficiais, que trouxese de entre os israelitas de estirpe real ou de familia nobre, [4]algúns rapaces que non tivesen ningunha tara, fosen de bo parecer e instruídos en toda clase de sabedoría, cultos e intelixentes e xeitosos para serviren no pazo real. Tamén ordenou que lles ensinasen a lingua e mais a literatura caldeas. [5]O rei fixoulles unha ración diaria da comida e mais do viño da mesa real. A súa crianza debía durar tres anos; despois pasarían a servir ao rei. [6]Entre eles atopábanse uns xudeus: Daniel, Hananías, Mixael e Azarías. [7]O xefe dos oficiais trocoulles os nomes: a Daniel púxolle Baltasar; a Hananías, Xadrac; e Mixael, Mixac; e a Azarías, Abednegó. [8]Daniel propúxose non se contaminar compartindo a comida do rei e mais o viño da súa mesa, e suplicoulle ao xefe dos oficiais que non o obrigase a se contaminar.

[9]Deus fixo que o xefe dos oficiais tivese dó e consideración de Daniel, [10]e díxolle: –Eu teño medo do meu señor, o rei, polo feito de que el determinou o que habiades de comer e beber, e, se vos vise cun aspecto máis raquítico ca o dos rapaces da vosa idade, poñeriades en perigo a miña cabeza diante do rei.

[11]Díxolle entón Daniel ao garda posto polo xefe dos oficiais ao coidado de Daniel, de Hananías, de Mixael e mais de Azarías: [12]–Por favor, ponnos a proba durante dez días: que nos sirvan legumes para comer e auga para beber. [13]Despois podes comprobar o noso aspecto en relación co dos mozos que se alimentan cos manxares do rei, e fas connosco conforme vexas.

[14]El aceptou a proposta, e someteunos á proba durante dez días. [15]Ao cabo dos dez días tiñan mellor aspecto e estaban máis gordos ca todos os mozos que comían dos manxares do rei. [16]Desde entón o garda retiráballes a ración da comida e mais do viño que debían tomar e dáballes legumes.

[17]Deus concedeulles a estes catro mozos ciencia e intelixencia en toda clase de letras e sabedoría. Daniel tamén sabía interpretar visións e soños.

[18]Cando se cumpriu o tempo sinalado polo rei para seren presentados os mozos, o xefe dos oficiais levounos ante Nabucodonosor. [19]O rei conversou con eles, e non encontrou entre todos ningún coma Daniel, Hananías, Mixael e Azarías. Quedaron, pois, ao servizo do monarca. [20]En todas as cuestións de sabedoría e intelixencia que o rei lles propuxo,

**1**, 1-21 Este c., escrito orixinariamente en lingua hebrea, pretende facer unha presentación dos catro personaxes xudeus que van entrar en escena: é a preparación das historias que vai contar o escritor.

**1**, 2 *Xinar*: nome empregado no texto hebreo referíndose a Babilonia; así se lle chama a este país no relato sobre a torre de Babel (Xén **10**, 10).

**1**, 3 *Oficiais*: lit. "eunucos". Polo contexto vese a intención de se referir á profesión máis que ao requisito fisiolóxico imposto daquela a determinados cortesáns.

*Israelitas*: lit. "fillos de Israel". A lingua hebrea usa a miúdo a expresión "fillo de" seguida do nome de lugar para se referir aos habitantes dun país (cf Dn **13**, 48).

**1**, 4 O termo "caldeo" aparece repetidas veces en Dn, non co usual significado étnico, senón indicando por derivación unha xente culta que se dedicaba a descifrar enigmas e prever certos acontecementos pola adiviñanza.

**1**, 7 O feito de cambiar de nome a unha persoa supón, na mentalidade semítica, ter dominio sobre ela. Moitos personaxes bíblicos reciben un nome novo cando son destinados a desempeñar unha nova función. No noso caso prevalece a idea de entrar a depender do rei.

**1**, 8 A lei xudaica non permitía comer certa clase de alimentos, tales coma o sangue e a carne de determinados animais (cf Lev **7**, 27; **11**, 2-45; Dt **4**, 3-21, etc.). Esta veda tomouse con moito rigor no s. II a. C., indicio orientador acerca da data deste libro (cf 1 Mac **1**, 65 e 2 Mac **7**).

**1**, 17-20 Estes mozos vense recompensados pola fidelidade ás súas obrigas relixiosas. Desde o primeiro c. ata o derradeiro móstrase ben a inquedanza fundamental do autor: animar aos seus compañeiros para se manteren fieis a Deus no medio da proba. Hai un convencemento que o escritor expresa reiteradamente, dunha maneira ou doutra, a base de exemplos. Cando está a piques de rematar a súa obra, pono expresamente en boca de Daniel, cheo de gratitude e recoñecemento: "Meu Deus, lembrácheste de min! Ti non desamparaches aos que te aman" (Dn **14**, 38); forma, pois, unha especie de inclusión coa idea deste c. **1**, e pódese dicir que é a síntese da mensaxe do libro.

atopounos dez veces superiores a todos os meigos e adiviños que existían en todo o seu reino. [21]Daniel permaneceu alí ata o ano primeiro do reinado de Ciro.

### O soño misterioso do rei

**2** [1]No ano segundo do seu reinado, Nabucodonosor tivo un soño, e o seu espírito quedou tan turbado que non puido continuar a durmir. [2]O rei mandou chamar os meigos, astrólogos, agoireiros e adiviños, para que lle explicasen o soño. Eles viñeron e presentáronse ao monarca.

[3]Díxolles o rei: –Tiven un soño, e o meu espírito sente desacougo tratando de comprender.

[4]Respondéronlle os adiviños ao rei, en arameo: –Que viva o rei para sempre! Conta o soño aos teus servidores, que nós che exporemos a súa interpretación.

[5]Respondeu o rei advertíndolles aos adiviños: –Xa teño a miña decisión tomada! Se non me dicides o soño e mais a súa interpretación, vós seredes cortados en anacos e as vosas casas quedarán reducidas a esterqueiras; [6]en troques, se me expoñedes o soño e mais o seu significado, recibiredes de min regalos, agasallos e grandes honores. Polo tanto contádeme o soño e mais a súa interpretación.

[7]Respondendo eles por segunda vez, dixéronlle: –Que o rei diga o soño aos seus servidores, e nós daremos a interpretación do mesmo.

[8]Replicou o rei: –Ben vexo que estades a gañar tempo, porque xa sabedes que a miña palabra está dada. [9]Pero se non me dades a coñecer o soño, haberá para todos vós unha mesma sentenza. Xuntástesvos para me contar mentiras e falsidades en tanto non mudan os tempos. Así que contádeme o soño e quedarei convencido de que o sabedes interpretar.

[10]Os adiviños respondéronlle ao rei nestes termos: –Non hai home na terra que poida manifestar o que pide o rei; polo mesmo, endexamais ningún monarca –por máis grande e poderoso que el sexa– esixe cousa semellante a ningún meigo, astrólogo ou adiviño. [11]A cousa que o rei pide é difícil e non existe máis ninguén que llo poida dicir ao rei, a non seren os deuses; pero a súa morada non está entre os mortais.

[12]Con tal motivo, o rei púxose moi alporizado e ordenou matar a todos os sabios de Babilonia. [13]Promulgouse o decreto e os sabios ían ser executados. Tamén andaban á procura de Daniel e mais dos seus compañeiros para os mataren. [14]Entón Daniel tivo unha entrevista sabia e asisada con Arioc, xefe da garda real, quen saíra co plan de matar aos sabios de Babilonia. [15]Tomou a palabra e díxolle a Arioc, oficial do rei: –Por que un decreto tan severo de parte do rei?

Entón Arioc explicoulle o asunto a Daniel. [16]Daniel acudiu onda o rei e suplicoulle que lle concedese un prazo para lle dar a coñecer a interpretación.

[17]Volveu Daniel á súa casa e informou acerca do caso á Hananías, Azarías e Mixael, os seus compañeiros, [18]rogándolles que implorasen misericordia do Deus do ceo para que lles revelase aquel segredo e non tivesen que perecer Daniel e mais os seus compañeiros co resto dos sabios de Babilonia. [19]O segredo foille revelado a Daniel nunha visión nocturna, polo que Daniel bendiciu o Deus do ceo, [20]dicindo:

Bendito sexa o nome de Deus
polos séculos dos séculos,
pois El ten a sabedoría e mais o poder.
[21]El é quen fai mudar os tempos
e mais as estacións,
depón os reis e entronízaos.
El dá sabedoría aos sabios
e ciencia aos que entenden.
[22]El é quen revela as cousas profundas
e mais as ocultas,

**2**, 1 *O soño*, na antiga literatura pagá e tamén na mesma Biblia, aparece moitas veces como un medio empregado pola divindade para se revelar aos homes ou darlles a saber o que vai acontecer. É interesante notar a semellanza existente no uso deste artificio literario polo que respecta a Xosé en Exipto. Hai unha dependencia literaria na presentación do personaxe de Dn (cf Xén **40-41**).

**2**, 2 *Meigos, astrólogos...* Non é fácil determinar o contido exacto destes nomes; a enumeración destes profesionais da adiviñanza repítese (con pequenas diferenzas) noutras pasaxes: Dn **2**, 10. 27; **4**, 4; **5**, 7. 11. 15. Parece indicar sinxelamente que se acudiu a toda clase de expertos relacionados co problema.

**2**, 4 O texto orixinal de Dn está escrito en arameo desde este v. ata o remate do c. **7**. O arameo foi lingua empregada na diplomacia internacional dos países do Medio Oriente desde o s. VIII a. C.; e foi tamén o medio de expresión dos xudeus no desterro de Babilonia.

**2**, 5 *Xa teño a miña decisión tomada*: ou mesmo "tede ben presente a miña decisión".

**2**, 9-10 O rei quere comprobar a competencia profesional dos intérpretes, esixíndolles que eles mesmos lle describan o soño que tivo.

**2**, 11 Os adiviños recoñecen a súa incapacidade para cumpriren o encargo do rei; o relato apunta a salientar como Deus fai triunfar os seus superando calquera perigo ou dificultade (cf v 19).

**2**, 20-23 Himno de acción de grazas, co que Daniel canta a grandeza e mais o señorío de Deus sobre a creación e a historia.

coñece o que está nas tebras,
pois a luz está onda El.
[23]Lóote e douche as grazas,
Deus de meus pais,
porque me deches sabedoría e mais forza,
e agora mostráchesme
o que che pediramos,
reveláchesme o asunto do rei.

[24]Despois Daniel foi onda Arioc, a quen o rei encargara o exterminio dos sabios de Babilonia, e díxolle: –Non fagas perecer os sabios de Babilonia! Ti lévame a xunto do rei, que eu lle indicarei a interpretación.

[25]Arioc introduciu a toda présa a Daniel na presenza do rei, e díxolle: –Achei un home de entre os deportados de Xudá que lle vai indicar a interpretación ao rei.

[26]O rei tomou a palabra e preguntoulle a Daniel, a quen se lle chamaba Baltasar: –Ti serás capaz de contarme o soño que tiven e mais a súa interpretación?

**Explicación do soño**

[27]Daniel respondeu ante o rei: –O segredo que quere saber o rei non son capaces de llo indicar nin os sabios, nin os astrólogos, nin os bruxos, nin os adiviños; [28]pero no ceo hai un Deus que revela os segredos e El tivo a ben dar a coñecer ao rei Nabucodonosor canto vai suceder no decorrer dos tempos. O teu soño e mais as visións da túa cabeza que tiveches estando na cama, eran estes: [29]Mira, maxestade; as matinacións que acudiron á túa mente no leito versaban sobre canto vai acontecer no futuro, e aquel que revela os segredos deuche a saber o que vai suceder.

[30]En canto a min, non é que eu teña unha sabedoría maior que todos os viventes, senón que me foi revelado este segredo unicamente coa fin de lle manifestar ao rei a interpretación e, de tal xeito, comprendas as cavilacións da túa mente.

[31]Ti, rei, estabas vendo, e velaquí, unha estatua grande. A estatua era enorme, e o seu brillo extraordinario; erguíase diante de ti, e o seu aspecto era terrible. [32]A cabeza da estatua era de ouro puro; o peito e mais os brazos, de prata; o ventre e mais os cadrís, de bronce; [33]as pernas, de ferro; e os pés, parte de ferro e parte de barro. [34]Seguías fitándoa, cando se desprendeu unha pedra sen a tocar ninguén, foi bater contra os pés da estatua, que eran de barro e mais de ferro, e esnaquizounos. [35]Nun instante volvéronse po o ferro e mais o barro, o bronce, a prata e mais o ouro; tornáronse coma a palla miúda das eiras no verán; o vento arramplou con eles sen deixar rastro. Pola súa banda, a pedra que desfixo a estatua creceu e transformouse nunha montaña tan grande que enchía toda a terra.

[36]Este foi o soño; agora imos expoñer ante o rei o seu significado: [37]ti, maxestade, rei de reis, a quen o Deus do ceo concedeu o imperio, a forza, o poder e mais a maxestade, [38]a quen deu poder sobre os homes, onde queira que eles habiten, sobre os animais do campo e as aves do ceo, para que reines sobre todos eles: ti es a cabeza de ouro. [39]Despois de ti alzarase outro imperio, inferior ao teu; e, máis adiante, un terceiro imperio que será de bronce e dominará sobre a terra toda. [40]Máis tarde haberá un cuarto imperio, forte coma o ferro; do mesmo xeito que o ferro esnaquiza e tritura todo, tamén el ha esnaquizar e triturar a todos os outros. [41]Os pés e mais os dedos que viches, de ferro mesturado con barro de oleiro, representan un reino dividido, aínda terá algo da consistencia do ferro, tal como viches o ferro mesturado co barro. [42]Conforme eran as dedas dos pés, en parte de ferro e en parte de barro, así, unha parte do imperio será forte e outra parte será fráxil. [43]O feito de ver o ferro mesturado co barro quere dicir que se mesturarán as liñaxes, pero sen se fusionaren unha coa outra, como tampouco o ferro se amalgama co barro. [44]No tempo deses reis, o Deus do ceo suscitará un reino que endexamais non será derrubado nin cederá o poder a outro pobo; máis aínda: destruirá e acabará con todos estes reinos, e el subsistirá para sempre, [45]tal e como viches que se desprendeu a pedra do monte, sen intervención

**2**, 29-45 O soño e mais a súa interpretación patentizan o dominio de Deus, que marca as directrices da historia. Todo está previsto: o proxecto de Deus aínda que por veces resulta escuro para os homes hase cumprir con toda fidelidade. A estatua é toda ela unha verdadeira alegoría; cómpre prestarmos atención aos diversos elementos simbólicos.

**2**, 34 *Sen a tocar ninguén*: lit. “sen man”.

**2**, 38-40 Os catro imperios relacionados coa estatua son: Babilonia, Media, Persia e Macedonia. O último dos catro foi consolidado por Alexandre Magno; desde que implantou o seu dominio nos países do Medio Oriente, a cultura grega proxectou un influxo progresivo e irreversible no mundo xudeu.

**2**, 41 *Un reino dividido*: Tras morrer Alexandre Magno, o seu gran imperio foi dividido entre catro dos seus xenerais. Alusión ás dinastías dos ptolomeos e dos seléucidas, que se disputaron a posesión de Palestina.

**2**, 43 Faise referencia aos matrimonios concertados entre ptolomeos e seléucidas, que non serviron para acadar unha verdadeira unidade no seo das dúas dinastías.

**2**, 44-45 A pedra destrutora da estatua suxire a lembranza de pasaxes bíblicas nas que Deus aparece denominado como rocha: Dt **32**, 4-10; Is **17**, 10; **26**, 4...

de ningunha man, e esnaquizou o ferro, o bronce, o barro, a prata e mais o ouro.

O Deus grande deu a coñecer ao rei canto vai acontecer no futuro. O soño é verdadeiro e a súa interpretación, digna de creto. 46Entón o rei Nabucodonosor prostrouse rostro en terra e rendeulle homenaxe a Daniel, e mandou que lle ofrecesen sacrificios e mais perfumes.

47O rei dirixiuse a Daniel e díxolle: –Sen dúbida que o voso Deus é o Deus dos deuses e mais o Señor dos reis; El revela os segredos, pois ti fuches capaz de me explicar este segredo.

48Despois o rei ascendeu a Daniel e outorgoulle numerosos e importantes regalos, nomeouno gobernador da provincia de Babilonia e tamén presidente de todos os sabios de Babilonia. 49A petición de Daniel, o rei encargou da administración da provincia de Babilonia a Xadrac, Mixac e Abednegó. Daniel permaneceu na corte real.

### A estatua de ouro

**3** 1O rei Nabucodonosor fixo unha estatua de ouro: a súa altura era de sesenta cóbados, e a súa anchura, seis cóbados. Ergueuna na chaira de Dura, na provincia de Babilonia. 2Despois o rei Nabucodonosor mandou convocar os sátrapas, gobernadores, prefectos, conselleiros, tesoureiros, letrados, maxistrados e xuíces, e todas as autoridades provinciais para que acudisen á inauguración da estatua que erixira o rei Nabucodonosor. 3Reuníronse, pois, os sátrapas, prefectos, gobernadores, conselleiros, tesoureiros, letrados, maxistrados e mais as restantes autoridades provinciais para a inauguración da estatua que erixira o rei Nabucodonosor, e, estando colocados na fronte dela, 4o pregoeiro berrou con voz forte: –A todos os pobos, nacións e linguas, fáisevos saber: 5no momento en que oiades o son do corno, da frauta, da cítola, da lira, do salterio, da zanfona e dos restantes instrumentos musicais de toda clase, prostrarédesvos e adoraredes a estatua de ouro que erixiu o rei Nabucodonosor. 6O que non se prostre en adoración, será botado inmediatamente no medio dun forno co lume aceso.

7Con tal motivo, exactamente no momento de oíren tocar o corno, a frauta, a cítola, a lira, o salterio, a zanfona e toda clase de instrumentos musicais, todos os pobos, nacións e linguas prostráronse e adoraron a estatua de ouro que erixira o rei Nabucodonosor.

### Os tres mozos hebreos no forno

8Naquel momento presentáronse algúns caldeos para denunciaren aos xudeus. 9Tomaron a palabra e dixéronlle ao rei Nabucodonosor: –Que viva o rei eternamente! 10Ti, rei, ordenaches que todo home, en canto escoite o son do corno, da frauta, da cítola, da lira, do salterio, da zanfona e das restantes clases de instrumentos musicais, se axeonlle e adore a estatua de ouro; 11e o que non se prostre para adorala será botado nun forno co lume aceso. 12Pois hai uns xudeus, Xadrac, Mixac e Abednegó –a quen encargaches da administración da provincia de Babilonia–, que nin fan caso de ti, maxestade, nin serven os teus deuses; tampouco adoran a estatua de ouro que ti erixiches.

13Entón Nabucodonosor púxose furioso e mandou traer a Xadrac, Mixac e Abednegó, que foron levados á presenza do monarca. 14Nabucodonosor tomou a palabra e díxolles: –Xadrac, Mixac e Abednegó, é certo que vós non servides os meus deuses nin adorades a estatua de ouro que eu erguín? 15Agora, pois, estade dispostos, ao oírdes o son do corno, da frauta, da cítola, da lira, do salterio, da zanfona e mais dos restantes instrumentos musicais, porédesvos de xeonllos e adoraredes a estatua que eu erixín. Como non a adoredes, seredes botados ao forno co lume aceso; e, que deus haberá que vos poida librar das miñas mans?

16En resposta, Xadrac, Mixac e Abednegó, dixéronlle ao rei Nabucodonosor: –Sobre este asunto nós non temos por que che contestar. 17Se o noso Deus, a quen servimos, quere librarnos do forno do lume abrasador e mais das túas mans, hanos salvar, rei. 18E aínda que non o fixese, oh rei, que che conste que nós non serviremos os teus deuses, nin adoraremos a estatua de ouro que erixiches.

19Entón Nabucodonosor, cheo de furia contra Xadrac, Mixac e Abednegó e co aspecto do seu rostro alterado, tomou a palabra e ordenou que se acendese o forno sete veces máis forte do que se acostumaba acender. 20Seguidamente ordenou a algúns dos homes máis fortes do seu exército que atasen a Xadrac, Mixac e Abednegó para os

**3**, 1 A versión grega dos LXX sinala que isto sucedeu no ano 18 do seu reinado.

**3**, 8-12 A denuncia contra os tres mozos xudeus parece estar provocada pola envexa que tiñan do seu prestixio os caldeos.

**3**, 19 *Sete veces máis*. Cómpre subliñar aquí o valor simbólico de "sete", que é plenitude, totalidade: quérese indicar que quentaron o forno máis que nunca.

botar ao forno co lume acendido. [21]De modo que estes homes foron atados, vestidos cos seus calzóns, túnicas, puchas e demais roupa e botáronos no medio do forno co lume ardente. [22]Como a orde do rei era tan severa e o forno estaba tan extraordinariamente aceso, a lapa do lume causoulles a morte aos que meteron a Xadrac, Mixac e Abednegó. [23]Entre tanto os tres homes, Xadrac, Mixac e Abednegó caían atados no medio do forno en chamas.

**Oración de Azarías**

[24]*Paseaban polo medio das chamas, loando a Deus e bendicindo o Señor.* [25]*Entón Azarías, ergueito no medio do lume, abriu a boca e dixo:*

[26]*Bendito sexas, Señor, Deus de nosos pais,*
*loado e glorificado sexa*
*o teu nome por sempre.*
[27]*Pois estás xustificado*
*en todo canto fixeches connosco,*
*todas as túas obras son verdadeiras,*
*rectos os teus camiños,*
*todos os teus xuízos son verdade.*
[28]*Tomaches decisións conforme á verdade*
*traendo todo isto sobre nós*
*e sobre a cidade santa*
*de nosos pais, Xerusalén;*
*si, con verdade e xustiza*
*provocaches todo isto,*
*por causa dos nosos pecados.*
[29]*Pois pecamos, procedemos mal*
*afastándonos de ti.*
*Temos cometido toda clase de pecados,*
*non obedecemos os teus mandamentos,*
[30]*nin os tivemos en conta,*
*nin puxemos en práctica*
*o que se nos mandaba para o noso ben.*
[31]*Todo canto fixeches que nos sobreviñese,*
*todo o que fixeches connosco*
*foi un castigo merecido.*
[32]*Entregáchesnos nas mans*
*dos nosos inimigos,*
*xente sen lei, pésimos renegados,*
*e dun rei inxusto,*
*o máis perverso de toda a terra.*
[33]*Agora nós non ousamos abrir a boca;*
*vergonza e oprobio premen*
*os que te serven e adoran.*
[34]*Por mor do teu nome!,*
*non nos abandones para sempre,*
*non rompas a túa Alianza,*
[35]*non afastes de nós a túa misericordia,*
*por Abraham, o teu benquerido;*
*por Isaac, o teu servo;*
*por Israel, o teu santo,*
[36]*a quen prometeras multiplicarlles*
*a súa descendencia*
*coma as estrelas do ceo*
*e coma as areas na praia do mar.*
[37]*Por causa dos nosos pecados, Señor,*
*somos hoxe a máis pequena das nacións,*
*humillada por toda a terra.*
[38]*Agora xa non temos*
*nin príncipe, nin profeta,*
*nin xefe, nin holocausto, nin sacrificio,*
*nin oblación, nin incenso, nin lugar*
*onde che presentar as primicias*
*e acadar misericordia.*
[39]*Mais que, polo menos,*
*con corazón contrito e espírito humillado*
*encontremos acollida,*
*como se fosen holocaustos*
*de carneiros e bois,*
*de milleiros de años cebados.*
[40]*Ese vai ser hoxe o noso sacrificio ante ti,*
*para te aplacar plenamente,*
*porque os que confían en ti*
*non quedan defraudados.*
[41]*Por iso agora seguímoste*
*de todo corazón,*
*temémoste e buscamos o teu rostro:*
*non nos defraudes,*
[42]*trátanos conforme a túa bondade,*
*e segundo a túa gran misericordia.*
[43]*Líbranos co teu poder prodixioso*
*e dá gloria ao teu nome, Señor.*
[44]*Sexan abafados os que maltratan*
*os teus servos,*
*fiquen avergonzados,*
*véxanse privados de todo poder*
*e sexa quebrantada a súa forza;*
[45]*saiban eles que Ti es o Señor,*
*o Deus único*
*e glorioso sobre toda a terra.*

**3**, 24 Os vv. 24-90 non están escritos en arameo coma o resto do c., senón en grego; probablemente se trate da tradución dun texto arameo ou hebreo, como testemuñan certas expresións de traza semítica. Aquí traducimos segundo a versión grega de Teodoción, que no libro de Daniel foi tradicionalmente preferida pola Igrexa á versión dos Setenta.

**3**, 26 A terminoloxía de "bendicir" abonda moito nestas oracións; en boca do que pretende aclamar a Deus é sinónimo de "loar" e "dar grazas".

**3**, 26-45 A oración de Azarías ten moito parecido cos salmos penitenciais. O orante séntese portavoz dos sentimentos do seu pobo confesando os seus pecados e pedindo a Deus o perdón deles (cf **9**, 4-19).

**3**, 39-40 Foi durante o tempo do exilio lonxe do templo de Xerusalén cando o pobo de Deus tomou clara conciencia do esencial valor dos sacrificios espirituais que xorden do mesmo corazón da persoa. A predicación profética insistiu ben neste punto (cf Sal **51**, 19).

46 *Os criados do rei que os botaran no forno non paraban de avivar o lume a base de*
*betume, pez, estopa e mais leña miúda.* 47 *A chama sobresaía por enriba do forno corenta e nove cóbados.* 48 *Ao estenderse abrasou os caldeos que se achaban arredor do forno.* 49 *Pero o anxo do Señor baixou ao forno onda Azarías e os seus compañeiros, afastou as chamas para fóra do forno,* 50 *e introduciu dentro del un vento húmido, de tal xeito que non lles tocou o lume o máis mínimo, nin os mancou, nin tan sequera lles fixo molestia.*

### O cántico dos tres mozos

51 *Entón os tres, ao unísono, loaban, glorificaban e bendicían a Deus no forno, dicindo:*

52 *Bendito es Ti, Señor,*
*Deus de nosos pais,*
*digno de gloria*
*e da meirande loanza polos séculos.*
*Bendito o teu nome, santo e glorioso,*
*moi digno de gloria*
*e moi enxalzado polos séculos.*
53 *Bendito es Ti no templo*
*da túa santa gloria,*
*moi digno de gloria*
*e moi enxalzado polos séculos.*
54 *Bendito es Ti sobre o trono do teu reino,*
*moi digno de gloria*
*e moi enxalzado polos séculos.*
55 *Bendito es Ti que sondas os abismos*
*sentado sobre querubíns,*
*moi digno de gloria*
*e moi enxalzado polos séculos.*
56 *Bendito es Ti no firmamento do ceo,*
*loado e cheo de gloria para sempre.*
57 *Todas as obras do Señor,*
*bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
58 *Anxos do Señor, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
59 *Ceos, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
60 *Todas as augas que estades*
*por enriba do ceo, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
61 *Todos os exércitos, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
62 *Sol e lúa, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
63 *Estrelas do ceo, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
64 *Toda chuvia e orballo, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
65 *Todos os ventos, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
66 *Lume e calor, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
67 *Friaxe e quentura, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
68 *Orballos e nevadas, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
69 *Carazo e frío, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
70 *Xeadas e neves, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
71 *Noites e días, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
72 *Luz e tebras, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
73 *Lóstregos e nubes, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
74 *Bendiga a terra o Señor,*
*lóeo, exálteo polos séculos.*
75 *Montes e outeiros, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
76 *Todas as plantas da terra,*
*bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
77 *Fontes, bendicide o Señor,*
*loádeo, exálteo polos séculos.*
78 *Mares e ríos, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
79 *Cetáceos e toda a fauna acuática,*
*bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
80 *Todas as aves do ceo,*
*bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
81 *Todos os animais salvaxes*
*e domésticos, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
82 *Todos os homes, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
83 *Israel, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
84 *Sacerdotes do Señor, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
85 *Servos do Señor, bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
86 *Espíritos e almas dos xustos,*

**3**, 51-90 O cántico dos tres mozos é un himno litúrxico moi semellante aos salmos **136** e **148**. É unha invitación colectiva á loanza do Creador e Señor do Universo, dirixida particularmente a todas as súas criaturas. No texto grego chaman a atención diversos verbos reduplicativos que pretenden facer énfase no ton laudatorio: "súper loado", "súper exaltado", "súper glorificado", "súper celebrado"...
A aclamación ao Señor que crea, protexe e salva os que lle son fieis, vai de máis en máis; finalmente queren poñer por coroa do himno o pregón do prodixioso sinal que eles mesmos experimentan, abraiados, na súa propia carne.

*bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
87*Santos e humildes de corazón,*
*bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos.*
88*Hananías, Azarías e Mixael,*
*bendicide o Señor,*
*loádeo, exaltádeo polos séculos:*
*Porque El nos sacou do abismo,*
*salvounos do poder da morte,*
*librounos do forno de chama abrasadora,*
*arrincounos do medio do lume.*
89*Dádelle grazas ao Señor, porque é bo,*
*porque é eterna a súa misericordia.*
90*Todos os que o adorades,*
*bendicide o Deus dos deuses,*
*loádeo e exaltádeo,*
*porque é eterna a súa misericordia.*

**Nabucodonosor recoñece o milagre de Deus**

91O rei Nabucodonosor ficou pasmado e, levantándose a toda présa, preguntoulles aos seus ministros: –Non eran tres os homes que botamos atados ao medio do forno?

Respondéronlle: –Sen dúbida, maxestade.

92Replicou el: –Pois eu vexo catro homes desatados que pasean polo medio do lume sen sufriren ningún dano, e o aspecto do cuarto semella o dun ser divino.

93Entón Nabucodonosor aproximouse á boca do forno aceso, tomou a palabra e dixo: –Xadrac, Mixac e Abednegó, servos do Deus Altísimo, saíde fóra e vinde aquí.

Xadrac, Mixac e Abednegó saíron entón do medio do lume. 94Estando xuntos os sátrapas, os ministros, os prefectos e mais os conselleiros do rei, observaron a estes homes: o lume non lles producira ningún dano nos seus corpos, nin sequera tiñan chamuscados os pelos da súa cabeza, os pantalóns estaban intactos e nin daban cheiro a queimado.

95Entón Nabucodonosor dixo: –Bendito sexa o Deus de Xadrac, Mixac e Abednegó, que mandou un anxo a salvar os seus servos, que, confiando nel, desobedeceron o decreto real e entregaron os seus corpos por non serviren nin adoraren outros deuses fóra do seu Deus. 96Polo que a min toca, eu dispoño que o que blasfeme contra o Deus de Xadrac, Mixac e Abednegó –sexa do pobo, nación ou lingua que sexa–, será tallado en anacos e a súa casa quedará arrasada, porque non existe outro deus capaz de salvar de tal modo.

97O rei fixo prosperar a Xadrac, Mixac e Abednegó na provincia de Babilonia.

**A visión da árbore**

98O rei Nabucodonosor, a todos os pobos, nacións e linguas que habitan por toda a terra:

Que a vosa paz sexa grande. 99Teño o gusto de vos contar os signos e prodixios que fixo comigo o Deus Altísimo.

100Que grandes son os seus signos,
que poderosos os seus prodixios!
O seu reinado é un reinado eterno,
o seu poder dura de xeración
en xeración.

**4** 1Eu, Nabucodonosor, estaba tranquilo na miña casa, e satisfeito no meu pazo. 2De repente tiven un soño que me asustou. As imaxinacións que tiven no leito e mais os pensamentos da miña mente deixáronme arrepiado. 3Mandei que se me presentasen todos os sabios de Babilonia, para que me desen a coñecer a interpretación do soño. 4Viñeron entón os meigos, os adiviños, os astrólogos e os agoireiros; contei o soño diante deles, pero non foron capaces de me explicar o seu significado. 5Ata que, por fin, se presentou Daniel –a quen se lle chama Baltasar en relación co nome do meu deus–, home no que mora o espírito dos santos deuses. E conteille o meu soño: 6–Baltasar, xefe dos meigos, ben sei que tes o espírito dos santos deuses e que ningún misterio che ofrece dificultade; velaquí o soño que tiven, ti vasme dar a súa explicación. 7Estando deitado, observei as visións da miña cabeza: había unha árbore no medio da terra, a súa altura era enorme. 8A árbore foi medrando e robusteceuse, chegando a súa altura ata o ceo, e víase desde todos os extremos da terra. 9A súa ramallada era fermosa e o seu froito abundante; había nela alimento para todos, debaixo dela acubillábanse os animais do campo; nas súas pólas aniñaban as aves do ceo; mantíñanse dela todos os se-

**3**, 92 *Un ser divino*: lit. "un fillo de deuses". Tal expresión parece referirse a un anxo; así o testemuña a versión dos LXX: "un anxo de Deus".
**4**, 1 A versión dos LXX a diferenza do texto arameo concreta a data na que Nabucodonosor tivo este novo soño alegórico: no ano dezasete do seu reinado.
**4**, 2 *Da miña mente*: lit. "da miña cabeza".
**4**, 5 Bel (= señor) era o nome do deus principal de Babilonia, Marduk. Beltxasar (transcrito "Baltasar") etimoloxicamente quere dicir "Bel conserve a súa vida".
**4**, 6 *O espírito dos santos deuses*. O rei pagán fai unha afirmación acorde coa súa mentalidade.
**4**, 7-14 A descrición do soño da árbore parece estar inspirada na alegoría do cedro do Líbano, de Ez **31**, 2-14, referente á soberbia do faraón de Exipto. Ambas as dúas condenan a soberbia do home que coida que non depende de Deus.

res viventes. [10]Eu observaba no meu leito as
visións da miña cabeza; nisto descendeu do
ceo un vixiante, un santo. [11]Berrou con voz
forte e dixo así: "Derrubade a árbore, cortade
as súas pólas, arrincádelle as follas, ciscade
os seus froitos, fuxan os animais de debaixo
dela, e as aves das súas ramas. [12]Pero deixade
na terra a cepa coas súas raíces, con cadeas
de ferro e bronce, entre a herba do campo.
Que sexa bañada polo orballo do ceo, que
cos animais comparta a herba da terra. [13]Que
se lle cambie o corazón de home e que lle
dean un corazón de animal; e pasen por ela
sete anos". [14]Por decreto dos Vixiantes pro-
núnciase esta sentenza; é a cuestión decidida
polos Santos, para que todo ser vivente reco-
ñeza que o Altísimo é o dono da realeza hu-
mana, que lla dá a quen lle comprace e pode
elevar a ela o máis humilde dos homes.

[15]Este é o soño que tiven eu, o rei Nabuco-
donosor; ti, Baltasar, explícame o seu signi-
ficado, pois ningún dos sabios do meu reino
foi capaz de mo interpretar; pero ti es com-
petente, porque o espírito dos deuses santos
está en ti.

### Daniel explica o soño

[16]Entón, Daniel, chamado Baltasar, que-
dou desconcertado por un momento, turbáro-
no os seus pensamentos. O rei tomou a pala-
bra e díxolle: –Baltasar, que non te asusten o
soño e mais a súa interpretación.

Replicou Baltasar: –Meu Señor, que o
soño sexa para os teus inimigos e a súa in-
terpretación para os teus adversarios. [17]A
árbore que viches, que se fixo grande e vi-
gorosa, cunha altura que chegaba ata o ceo
e resultaba visible desde toda a terra, [18]que
tiña unha ramallada fermosa e os seus froitos
eran abundantes, de maneira que nela había
alimento para todos, e debaixo dela acubillá-
banse os animais do campo, e nas súas pó-
las aniñaban as aves do ceo, [19]es ti mesmo,
maxestade, que te fixeches grande e forte, a
túa grandeza creceu ata tocar o ceo, e o teu
poder dilátase ata as extremidades da terra.
[20]En canto ao que viches, maxestade: un Vi-
xiante, un Santo que baixou do ceo e dixo:
"Derrubade a árbore, destruídea, pero deixa-
de na terra a cepa coas súas raíces, atada con
cadeas de ferro e bronce no medio da herba
do campo, que se molle co orballo do ceo e
comparta a sorte dos animais do campo ata
que pasen sobre ela sete anos"; [21]este é o
seu significado, maxestade: é o decreto do
Altísimo que lle afecta ao meu Señor, o rei.
[22]Afastarante da xente e morarás cos animais
do campo. Manteraste de herba o mesmo ca
os bois, e mollarate o orballo do ceo; pasarán
así sete anos sobre ti, ata que recoñezas que
o Altísimo domina sobre a realeza dos homes
e lla dá a quen El quere. [23]Mandouse deixar
a cepa e mais as raíces da árbore, porque che
vai conservar a realeza tan axiña como re-
coñezas que todo poder vén do ceo. [24]Polo
tanto, maxestade, acepta o meu consello: re-
dime os teus pecados con esmolas, e as túas
iniquidades con misericordia cos pobres; así
alongarase a túa prosperidade.

### Humillación de Nabucodonosor

[25]Todo isto aconteceulle ao rei Nabuco-
donosor. [26]Ao cabo de doce meses achábase
paseando polo terrado do pazo real de Ba-
bilonia. [27]O rei fixo o seguinte comentario:
–Non é esta, logo, a grande Babilonia, que eu
edifiquei para residencia real co meu inmen-
so poder e para honra da miña maxestade?

[28]Aínda ben non acabara de falar o rei,
cando baixou unha voz do ceo: –Fáiseche
saber, rei Nabucodonosor, que che queda
retirada a realeza: [29]afastarante da xente,
vivirás cos animais salvaxes, daranche de
comer herba coma aos bois, e vas pasar así
sete anos, ata que recoñezas que o Altísimo é
o dono da realeza dos homes e lla outorga a
quen El quere.

[30]Naquel momento cumpriuse a sentenza
contra Nabucodonosor: afastárono da xen-
te, pacía herba coma os bois, o orballo do
ceo mollaba o seu corpo; mesmo medraron
os seus cabelos coma plumas de aguia e as
súas unllas coma as das aves. [31]Ao remate do
tempo sinalado, eu, Nabucodonosor, erguín
os ollos cara ao ceo, e recobrei a miña razón;
entón bendicín o Altísimo, loei e glorifiquei

**4**, 10 *Un vixiante, un santo*: títulos que caracterizan o interese do anxo de Deus pola fiel realización dos designios divinos.

**4**, 13 Na mentalidade semita antiga coidábase que o corazón do home era o centro da vida intelectual, afectiva e moral da persoa, así como que o corazón do animal era quen gobernaba os seus instintos.

**4**, 13 *Sete anos*: lit. "sete tempos". A expresión pódese entender tamén nun sentido simbólico: durante moito tempo.

**4**, 22 Alude á tolemia que sufrirá o rei, consistente en crer que é un boi e comportarse como tal.

**4**, 23 *Vén do ceo*. A idea é: "vén de Deus". O xudaísmo, desta época en diante, gustará de facer esta substitución polo gran respecto que sente ante o nome divino; así, acomodándose á linguaxe rabínica, Mateo dirá "reino dos ceos", en vez de "reino de Deus" (cf Mt **3**, 2; **5**, 3. 10).

**4**, 24 Propóñense claramente as obras de caridade como medio axeitado para expiar os pecados (cf Tob **12**, 9; **14**, 11).

o que vive eternamente. O seu reino é un reino eterno, o seu imperio subsiste por todas as xeracións. 32Todos os habitantes da terra diante del non contan nada: fai canto quere co exército do ceo e cos habitantes da terra. Non hai quen lle poida deter a man e dicirlle: Que estás facendo?

33Naquel momento recobrei a razón, tamén se me devolveu –para gloria do seu reino– a miña maxestade e mais o meu esplendor. Reclamáronme os conselleiros e mais os dignitarios, fun reposto no meu reino e foime outorgado un poder moito meirande. 34Agora, eu, Nabucodonosor, loo, exalto e glorifico ao rei do ceo, porque son verdade todas as súas obras; e xustiza os seus vieiros; El ten poder para humillar os que proceden con soberbia.

### O convite de Baltasar

**5** 1O rei Baltasar ofreceu un gran banquete aos seus mil dignitarios, e púxose a beber viño en compaña de todos eles. 2Despois de probar o viño, Baltasar mandou traer os vasos de ouro e prata que seu pai, Nabucodonosor, collera do templo de Xerusalén, para que bebesen neles o rei e mais os seus dignitarios, as súas mulleres e as súas concubinas. 3Tan pronto como trouxeron os vasos de ouro e prata, levados do santuario do templo de Deus en Xerusalén, brindaron con eles o rei e mais os seus dignitarios, as súas mulleres e mais as concubinas. 4Beberon viño e loaron os seus deuses de ouro, prata, bronce, ferro, madeira e pedra.

### O escrito misterioso

5De repente apareceron os dedos dunha man de home, que, por detrás do candeeiro, se puxeron a escribir no cal da parede do palacio real. O rei así que viu a palma da man que escribía, 6virou de cor e os seus pensamentos conturbárono, afrouxáronselle os músculos dos riles e os seus xeonllos batían un contra o outro. 7O rei pediu a berros que fixesen vir aos astrólogos, meigos e adiviños.

Tomando a palabra, díxolles aos sabios de Babilonia: –O que lea este escrito e me mostre a súa interpretación, será vestido de púrpura, poñeráselle ao pescozo un colar de ouro e será o terceiro no goberno do meu reino.

8Acudiron todos os sabios do reino, pero non foron capaces de ler o escrito nin de lle explicar ao rei o seu significado. 9Entón o rei Baltasar ficou moi alarmado e virou de cor; tamén os seus dignitarios se sentiron desconcertados.

10A raíña, coñecedora das palabras do rei e dos dignitarios, entrou na sala do banquete, tomou a palabra e dixo: –Viva o rei eternamente! Non te turben os teus pensamentos nin perdas a cor. 11Hai no teu reino un home en quen mora o espírito dos deuses santos. Xa en tempos de teu pai se achou nel unha mente lúcida e unha sabedoría semellante á dos deuses: tanto que o rei Nabucodonosor, teu pai, nomeouno xefe dos meigos, astrólogos, agoireiros e adiviños. 12Xa que Daniel, a quen o rei chamaba Baltasar, deu probas de ter un espírito extraordinario de ciencia e intelixencia, capacidade para interpretar os soños, descifrar enigmas e resolver problemas, que se chame a Daniel, pois el indicará a interpretación.

13Trouxeron deseguida a Daniel ante o monarca. Este, tomando a palabra, preguntoulle a Daniel: –Es ti Daniel, un daqueles desterrados que trouxo o rei, meu pai, de Xudá? 14Teño oído contar que mora en ti o espírito dos deuses, e que en ti se descubriu unha intelixencia despexada e unha sabedoría extraordinaria. 15Pois ben, acaban de ser introducidos ante a miña presenza os sabios e mais os meigos para que lesen este escrito e me desen a saber a súa interpretación, pero non foron capaces de me explicar o seu significado. 16Oín dicir que ti sabes interpretar os soños e descifrar enigmas; pois, se consegues

**5**, 1 É probable que o relato do convite, que remata co terror e a propia ruína de Baltasar, teña moito que ver co que din os historiadores gregos Heródoto e Xenofonte a propósito dun banquete celebrado na véspera da toma de Babilonia por Ciro.
En realidade, Baltasar non foi fillo de Nabucodonosor, senón do último rei de Babilonia, Nabónid. Nos derradeiros anos do reinado deste, parece que Baltasar participou no goberno da nación con seu pai, pero non chegou a ser propiamente rei. Por esta razón traducen algúns o termo *'ab* por "devanceiro" ou "avó" en vez de "pai": ambas acepcións están rexistradas na literatura e son válidas; a palabra repítese co mesmo sentido nos vv. 11, 13 e 18.
**5**, 2 Os babilonios botaron man dos tesouros do templo, polo menos en dúas ocasións: a primeira, no reinado de Ioaquim (cf Dn **1**, 2); e a segunda, uns nove anos máis tarde, no reinado de Sedecías.
**5**, 7 Daquela o poder vestir de púrpura era un privilexio para os orientais.
**5**, 10 A raíña que entra aquí en escena debe ser a nai de Baltasar, pois coñece ben a Daniel desde os tempos de Nabucodonosor, mentres que Baltasar ignora a súa personalidade. Daquela a raíña nai estaba en moi alta consideración.
**5**, 14-16 O autor non perde oportunidade de insistir na pouca categoría dos sabios pagáns, incapaces de resolver problema ningún; pola contra, Daniel, prototipo de bo xudeu, supera felizmente todas as dificultades, pola sabedoría e prudencia que Deus dispensa a quen ten a súa lei por norma de vida.

ler este escrito e me dás a saber a súa interpretación, serás vestido de púrpura, levarás ao pescozo un colar de ouro, e serás o terceiro no goberno do meu reino.

17Daniel tomou a palabra e dixo en presenza do rei: –Queda cos teus regalos e dálle a outro os teus agasallos; eu lerei igualmente o escrito para o rei, e dareille a coñecer a súa interpretación. 18Maxestade: o Deus Altísimo concedeulle a Nabucodonosor, teu pai, o imperio, a grandeza, a gloria e mais a magnificencia; 19e polo poder que lle deu, todos os pobos, nacións e linguas temíano e respectábano. Mataba a quen quería e deixaba con vida a quen lle parecía, exaltaba a quen el quería e humillaba a quen lle daba a gana. 20Pero en canto se ensoberbeceu o seu corazón e se obstinou o seu espírito na insolencia, foi deposto do seu trono real e despoxado da súa gloria. 21Tivo que vivir arredado da xente, o seu corazón tornouse semellante ao dos animais, e conviviu cos onagros; comeu herba coma os bois, e o seu corpo foi mollado polo orballo do ceo, ata que recoñeceu que o Deus Altísimo domina sobre a realeza dos homes e coloca no trono a quen quere. 22Pero ti, Baltasar, seu fillo, non humillaches o teu corazón, a pesar de saber todo isto; 23rebeláncheste contra o Señor do ceo, fixeches traer os vasos do seu templo, e ti e mais os teus dignitarios, xunto coas túas esposas e mais as túas concubinas, bebestes viño neles. Loastes os deuses de prata e ouro, de bronce e de ferro, de madeira e de pedra, que non ven nin oen, nin entenden; en cambio non glorificaches o Deus que ten nas súas mans o teu alento e de quen dependen todos os teus proxectos. 24Por ese motivo foi enviada por El esa man que trazou este escrito.

### Lectura e interpretación do escrito

25Esta é a escritura que foi trazada: "Contado, Pesado, Dividido". 26A interpretación de tales palabras é esta: "Contado": Deus ten contados os días do teu reinado, e púxolles fin. 27"Pesado": fuches pesado na balanza e atopado falto de peso. 28"Dividido": o teu reino foi dividido e entregado aos medos e aos persas.

29Baltasar mandou decontado que se lle puxese a Daniel un vestido de púrpura e se lle colgase un colar de ouro ao pescozo, e que pregoasen que el ocuparía o terceiro posto no reino. 30Naquela mesma noite foi asasinado Baltasar, rei dos caldeos.

**6** 1Darío, o medo, tomou o mando do reino á idade de sesenta e dous anos.

### Daniel na cova dos leóns

2Tivo a ben Darío nomear cento vinte sátrapas para que gobernasen todo o seu reino, 3baixo o mando de tres ministros, a quen debían render contas os sátrapas, a fin de que non resultase prexudicado o rei. Un deles era Daniel. 4Daniel sobresaía entre os ministros e os sátrapas, porque tiña un talento extraordinario, de xeito que o rei xa concibira o proxecto de o pór á cabeza de todo o reino. 5Entón os ministros e mais os sátrapas trataron de encontrar algo de que acusar a Daniel no tocante aos asuntos do reino, pero non daban encontrado ningún motivo de acusación nin culpa ningunha, pois el era home leal, e non se achou nel ningún erro nin descoido.

6Dixeron entón aqueles homes: –Nisto non imos dar encontrado materia de acusación contra Daniel, trataremos de buscala no tocante á Lei do seu Deus.

7Foron, pois, a toda présa os ministros e mais os sátrapas onda o rei, e dixéronlle: –Que viva eternamente o rei Darío! 8Todos os ministros do reino, os prefectos, os sátrapas, os conselleiros e mais os gobernadores aconsellan de común acordo que sexa promulgado un edicto real para impor a seguinte veda: quenquera que no prazo de trinta días lle rece a calquera deus ou home –a non seres

**5**, 25 No texto arameo lese: "Mené, Mené, Tequel, Uparsín". As versións gregas, LXX e Teodoción, e mais a latina Vulgata omiten a repetición da primeira palabra. Tal como interpreta seguidamente Daniel o texto, trátase de tres participios verbais; o suxeito destas oracións é Deus e o obxecto das mesmas, o reino de Baltasar. De feito o texto consonántico préstase para facer unha lectura distinta, con referencia a tres moedas: unha mina, un siclo e media mina; pero compre manter o sentido fixado pola interpretación de Daniel.

**6**, 1 Historicamente nada se sabe deste tal Darío de Media; ben pode ser un personaxe finxido polo escritor. Nestas narracións non hai ningunha pretensión de facer historia, senón de moralizar e dar azos aos xudeus para que venzan a proba que lles toca vivir. O obxectivo deste relato é idéntico ao do c. **3**: igual que os tres mozos preferiron a morte, antes ca traizoar o seu Deus, Daniel, irreprochable ata no máis pequerrecho detalle, tampouco non quere faltar aos principios esenciais da súa fe.

**6**, 6 *No tocante á Lei do seu Deus*: Aquí, Lei enténdese no seu sentido máis xeral: o conxunto de observancias relixiosas que rexen a vida do xudeu, é dicir, canto prescribe Deus ao pobo da Alianza.

**6**, 8 Segundo esta lei pagá, só se podería rezar ao rei durante aquel tempo. O escritor ten na súa mente o caso abraiante de Antíoco IV Epífanes, que pretendía ser recoñecido como divindade.

ti, rei– será botado á cova dos leóns. [9]Polo tanto, maxestade, promulga o decreto e sela o documento para que non se modifique, de acordo coa lei dos medos e persas, que é irrevogable.

[10]E, así, o rei Darío asinou o documento coa prohibición. [11]Tan axiña como soubo Daniel que fora firmado o edicto, entrou na súa casa, que tiña as ventás do sobrado orientadas cara a Xerusalén. Tres veces a diario púñase de xeonllos e rezaba dando grazas ao seu Deus, tal como viña facendo antes. [12]Viñeron decontado aqueles homes e sorprenderon a Daniel que estaba a rezar e a pregar ao seu Deus. [13]Entón foron onda o rei e faláronlle da prohibición real: –Maxestade, non asinaches ti unha prohibición segundo a cal todo aquel que nun espazo de trinta días lle rece a calquera que sexa, deus ou home, salvo a ti, rei, será botado na cova dos leóns?

Respondeu o rei: –Así está decretado como lei de medos e persas, que é irrevogable.

[14]Entón replicaron eles en presenza do rei: –Pois, Daniel, un dos deportados de Xudea, non che fai caso a ti, maxestade, nin á prohibición que asinaches: el fai oración tres veces por día.

[15]En oíndo estas palabras, o rei ficou moi contristado e propúxose salvar a Daniel. Estivo ata o solpor tratando de salvalo. [16]Pero aqueles homes precipitáronse na casa do rei, e dixéronlle: –Maxestade, ben sabes que, segundo a lei dos medos e persas, ningunha prohibición ou edicto confirmado polo rei pode ser modificado.

[17]Entón o rei mandou que trouxesen a Daniel e que o botasen na cova dos leóns. Tomou a palabra o rei e díxolle a Daniel: –Que te salve o teu Deus, a quen serves con tanta constancia.

[18]Trouxeron unha lousa e colocárona na entrada da cova, e o rei selouna co seu anel e mais co dos seus dignitarios, para que non se puidese cambiar a sorte de Daniel. [19]Despois o rei volveu para o seu pazo, e pasou a noite en xaxún. Non permitiu que lle trouxesen concubinas nin puido durmir. [20]Pola mañá cediño, ao raiar a aurora, ergueuse o rei e dirixiuse decontado á cova dos leóns. [21]Estando xa próximo á cova, púxose a gritarlle a Daniel con voz angustiada: –Daniel, servo de Deus vivo! O teu Deus, a quen serves con tanta fidelidade, deute salvado dos leóns?

[22]Contestoulle Daniel: –Que viva para sempre o rei! [23]O meu Deus mandou o seu anxo a pechar a boca dos leóns, e non me fixeron ningún mal, porque fun atopado inocente ante El. Tampouco cometín falta ningunha contra ti, maxestade.

[24]O rei alegrouse moito e mandou sacar a Daniel da cova. Sacaron a Daniel da cova, e non lle encontraron ningunha ferida, porque tivera confianza no seu Deus. [25]Despois o rei mandou traer a aqueles homes que calumniaran a Daniel e que fosen botados na cova dos leóns, non só eles, senón tamén as súas mulleres e mais os seus fillos. Aínda ben non chegaran ao fondo da cova, cando os leóns xa os tiñan agarrados e triturárонlles todos os ósos.

### Darío recoñece a gloria do verdadeiro Deus

[26]Entón o rei Darío escribiu a todos os pobos, nacións e linguas que moraban sobre toda a terra: "Que a vosa paz sexa grande! [27]Eu dou orde de que en todos os dominios do meu reino se tema e se respecte o Deus de Daniel, pois El é o Deus que subsiste por sempre. O seu reino endexamais non será destruído, o seu imperio durará sen fin. [28]El salva e libra, obra prodixios e marabillas no ceo e mais na terra; El foi quen librou a Daniel do poder dos leóns".

[29]Así foi prosperando este Daniel durante o reinado de Darío e tamén durante o reinado de Ciro de Persia.

**6**, 11 Os xudeus tiñan por norma facer os rezos orientados cara un lugar determinado: os que vivían ou se achaban en Xerusalén rezaban mirando cara ao templo; os residentes en calquera outro lugar de Israel situábanse en dirección a Xerusalén; finalmente, os residentes no estranxeiro facían oración orientados cara a Israel (cf Sifré, **71**).

**6**, 14 Todo xudeu debía recitar unhas oracións en tres momentos determinados do día: pola mañá, ao mediodía e pola tarde (cf Sal **55**, 18).

**6**, 15 *Ata o solpor*, probablemente cumpríase a execución do reo á mesma hora do día en que se ditara a condena.

**6**, 21-23 A escena da liberación de Daniel da cova dos leóns foi un motivo teolóxico moi empregado na iconografía do cristianismo primitivo para simbolizar a resurrección e mais a salvación.

# II. AS VISIÓNS DE DANIEL

### Visión dos catro animais simbólicos

**7** [1]No ano primeiro de Baltasar, rei de Babilonia, Daniel tivo un soño –visións da súa cabeza– mentres estaba na cama. Despois escribiu o soño nas súas liñas esenciais.

[2]Daniel tomou a palabra e dixo: –Eu estiven vendo as miñas visións durante a noite. Vin que os catro ventos do ceo axitaban o mar grande, [3]e catro animais enormes, distintos uns dos outros, saíron do mar. [4]O primeiro era coma un león, e tiña ás de aguia. Estíveno ollando ata que lle arrincaron as ás, erguérono do chan, puxérono dereito sobre os seus pés coma un home, e déronlle un corazón de home. [5]Nisto apareceu un segundo animal, semellante a un oso; estaba ergueito dun lado e tiña tres costelas na boca, entre os dentes. Dixéronlle: "Érguete e come carne abondo". [6]Despois disto, eu seguín mirando e vin outro animal, coma un leopardo con catro ás de ave no lombo. O animal tiña catro cabezas e foille dado o dominio.

[7]Máis tarde continuei a ollar as miñas visións nocturnas, e vin un cuarto animal, terrible, abraiante e extraordinariamente forte; tiña uns dentes de ferro enormes, comía e trituraba, o que lle sobraba esmagábao coas patas; era diferente dos animais anteriores e tiña dez cornos. [8]Eu púxenme a observar os cornos, e vin xurdir outro corno pequeno no medio deles, e tres dos cornos precedentes foron arrincados en fronte deste. Aquel corno tiña ollos que semellaban os dun home, e unha boca que dicía insolencias.

### A visión do ancián e mais a do fillo de home

[9]Eu estaba fitando, cando se colocaron uns tronos e un ancián tomou asento. O seu vestido era branco coma a neve, e os cabelos da súa cabeza coma pura lá; o seu trono eran labaradas de lume; as súas rodas, lume ardente. [10]Un río de lume corría e derramábase por diante del; miles de milleiros servíano, e dez mil miríades estaban de pé diante del. O tribunal abriu a sesión, e abríronse os libros.

[11]Seguín mirando, atraído polas insolencias que profería o corno; estiven observando ata que mataron o animal e esnaquizaron o seu corpo e despois botárono ao lume. [12]Aos outros animais foilles quitado o poder, pero concedéuselles vida por un certo tempo.

[13]Proseguín ollando as visións nocturnas, e, velaquí, sobre as nubes do ceo viña alguén semellante a un fillo de home, que se dirixiu cara ao ancián e presentouse diante del. [14]Foille outorgado poder, maxestade e imperio, e servírono todos os pobos, nacións e linguas. O seu poder é un poder eterno, que non pasará nunca, e o seu reino endexamais non será destruído.

### Explicación da visión

[15]En canto a min, Daniel, o meu espírito quedou profundamente turbado por este motivo; aterrábanme as visións da miña cabeza.

**7**, 1 Con este c. comeza a segunda parte do libro de Daniel, a parte propiamente apocalíptica (cc. **7**-12). Aquí faise uso sistemático da imaxe para manifestar o que vai acontecer. A visión dos catro animais que saen do mar explica con outros símbolos o mesmo que quixo dicir o escritor no c. **2** coa estatua do soño de Nabucodonosor: o ouro, a prata, o bronce e o ferro simbolizaban idénticos reinos que agora os catro animais (cf vv. 15-28): Babilonia (= león), Media (= oso), Persia (= leopardo) e Grecia (= o terrible animal non identificado).

**7**, 2 *O mar grande*. Non se trata dun mar determinado; o escritor válese dun elemento da cultura mitolóxica de Babilonia que presenta o mar como morada das forzas do mal encarnadas nos monstros mariños. Todo se reduce a un recurso literario para subliñar a maldade dos reinos que precederán ao implantado polo mesmo Deus.

**7**, 4 O león con ás, figura frecuente na iconografía babilónica, fai alusión á monarquía de Babilonia. A indicación de arrincarlle as ás e darlle corazón de home parece querer aludir á loucura e recuperación de xuízo de Nabucodonosor.

**7**, 6 As catro ás e catro cabezas do animal que representa a Persia, simbolizan a universalidade do seu imperio.

**7**, 7 Os dez cornos da cuarta fera, que representa ao poderoso imperio fundado por Alexandre Magno, posiblemente están en referencia a dez reis consecutivos da dinastía seléucida.

**7**, 8 O corno pequeno é Antíoco IV Epífanes (175-164 a. C.), que acadou o trono eliminando aos seus rivais.

**7**, 9 Deus é presentado aquí como un ancián (lit. "vello en días"). O seu vestido branco e cabelos tamén brancos patentizan o seu esplendor e maxestade. O trono de labaradas de lume dá a entender que todo o purifica coa súa presenza.

**7**, 13 Un *fillo de home*, é unha expresión semítica equivalente a "un home". Optamos por conservala co seu enxebrismo por ser un dos principais títulos que reclama para si Xesús Cristo na súa predicación. Segundo se conclúe do v. 18, a expresión refírese directamente a unha realidade colectiva (o pobo dos santos) aínda que non se exclúe a referencia a un personaxe individual: o pobo de Deus verase efectivamente representado e salvado polo Mesías, que levará plenamente a termo o cumprimento da profecía. O escritor fai entrever a transcendencia e mais o carácter misterioso de tal personalidade, e a Apocalipse (**1**, 7) reproduce esta pasaxe aplicándolla a Xesús.

[16]Aproximeime a un dos que estaban alí de pé
e pedinlle que me explicase todo aquilo. El
respondeume e deume a coñecer a interpre-
tación destas cousas:[17]–Estes catro animais
enormes representan catro reis que xurdirán
sobre a terra; [18]pero os santos do Altísimo re-
cibirán o reino e conservarano no seu poder
por todos os séculos, eternamente.
[19]Entón quixen saber tamén a verdade
acerca do cuarto animal, que era diferente de
todos os demais: extraordinariamente terri-
ble, con dentes de ferro e gadoupas de bron-
ce, que devoraba e trituraba e esmagaba coas
patas o sobrante; [20]e acerca dos dez cornos da
súa cabeza, e mais o outro corno que lle saíra
e fixera caer outros tres cornos; este corno
tiña ollos e unha boca que dicía insolencias,
e o seu aspecto figuraba máis grande ca os
outros. [21]Eu tiña observado como este corno
loitaba contra os santos e os vencía. [22]Ata que
veu o ancián para impor xustiza en favor dos
santos do Altísimo, e chegou o tempo en que
os santos tomaron posesión do reino.
[23]Despois díxome así: –O cuarto animal
será un cuarto reino que vai haber na terra,
diferente de todos os reinos; devorará toda
a terra, mallará nela e trituraraa. [24]Os dez
cornos son dez reis que xurdirán deste reino.
Despois deles alzarase outro, que será dife-
rente dos precedentes e abaterá a tres reis;
[25]pronunciará palabras contra o Altísimo, tra-
tará de exterminar os seus santos e preten-
derá cambiar o calendario e mais a Lei. Eles se-
rán entregados nas súas mans por un tempo,
dous tempos e medio tempo. [26]Pero cando o
tribunal decida, seralles quitado o imperio
para ser destruído e exterminado para sem-
pre. [27]O imperio, a soberanía e mais a gran-
deza dos reinos todos que existen debaixo do
ceo serán entregados ao pobo dos santos do
Altísimo. Será un reino eterno e todas as so-
beranías lle mostrarán respecto e submisión.
[28]Aquí remata o informe. No tocante a
min, Daniel, eu quedei moi asustado polos
meus pensamentos; mesmo mudou de cor
o meu rostro; pero gardei o asunto no meu
corazón.

### A visión do carneiro e do macho cabrún

**8** [1]No ano terceiro do reinado do rei Baltasar,
eu, Daniel, tiven unha visión, despois da
que tivera ao principio. [2]Observei durante a
visión, e parecíame que estaba en Xuxán, a
fortaleza situada na provincia de Elam; na
visión decateime de que me atopaba á beira
do río Ulai. [3]Alcei a vista e ollei: había un
carneiro ergueito a carón do río. Tiña dous
cornos, os dous eran altos, pero un era máis
ca o outro, o máis alto nacera máis tarde.
[4]Observei que o carneiro acometía contra o
poñente, contra o norte e contra o sur; ningún
animal lle podía facer cara, ningún se libraba
da súa furia; facía canto lle viña en gana e
andaba fanfurriñando. [5]Mentres eu estaba ca-
vilando, apareceu un macho cabrún que viña
de occidente, percorrendo a terra enteira sen
tocar o chan. Este macho cabrún tiña un cor-
no ben visible entre os ollos. [6]Aproximouse
ao carneiro dos dous cornos, que eu vira er-
gueito a carón do río, e botou a correr cara a
el con toda a súa furia. [7]Vino chegar á beira
do carneiro e revirarse contra el; turrou con-
tra o carneiro e rompeulle os dous cornos. O
carneiro non tivo forzas para resistir ante el;
botouno por terra e tripouno coas patas. Non
houbo quen puidese librar o carneiro do seu

**7**, 16 Na literatura apocalíptica é cousa normal a intervención dun anxo ou doutro personaxe similar que entra en escena para lle explicar ao vidente o sentido da visión.
**7**, 18 *Os santos do Altísimo* é unha das diversas designacións bíblicas do pobo da Alianza, un pobo óntica e fundamentalmente consagrado a Deus (cf Ex **19**, 6). A índole teocrática de Israel vén ser o elemento básico da súa unidade nacional.
**7**, 25 Alude á persecución provocada por Antíoco Epífanes que trataba de impor as leis e os costumes gregos, coa conseguinte abolición das prácticas propiamente xudías.
*O calendario* (lit. "os tempos"). Non contento con vedar as festas relixiosas tradicionais do pobo de Deus, Antíoco impón a obriga de celebrar as festas pagás.
*Un tempo, dous tempos e medio tempo*, quere dicir que a persecución máis forte durará tres anos e medio. En efecto, Antíoco dedicou a Zeus un altar no templo de Xerusalén na primavera do ano 167 a. C., e faleceu polo outono do 164. Na expresión cabe unha intención simbólica: tres e medio é a metade de sete (número perfecto) e ten un significado negativo, neste caso, un momento no que prevalecerá a iniquidade (cf Dn **9**, 27).
**7**, 28 Neste caso a palabra "corazón" refírese á memoria: quere dicir que non lle esqueceron estas cousas.
**8**, 1 A presentación e mais as peripecias dos animais simbólicos que seguen, contribúen a facer máis diáfano o informe dado no c. precedente. Os cc. **8-12** de Dn foron escritos en hebreo, o mesmo ca **1**, 1-**2**, 3.
**8**, 2 *Xuxán* fora noutro tempo a capital do Elam; despois pertenceu ao imperio babilónico.
**8**, 3 O corno máis alto e recente do carneiro representa a Persia, que venceu e absorbeu o reino medo, dando orixe ao chamado imperio medo-persa.
**8**, 4 O novo imperio medo-persa fixo grandes conquistas por todo o seu arredor. A versión dos LXX alude tamén ás súas incursións cara a oriente.
**8**, 5 *O macho cabrún* simboliza o imperio grego que tanto agrandou Alexandre Magno, representado aquí polo único corno do animal.

poder. [8]O macho cabrún fíxose moi grande, pero cando estaba na plenitude do seu poder, rompeulle o gran corno, e no sitio del saíronlle outros catro cornos ben visibles e orientados cara aos catro ventos do ceo. [9]Dun deles saíu ademais un corno pequeno que creceu moito, apuntando cara ao sur, cara ao oriente e cara ao País do Esplendor. [10]Fíxose grande incluso respecto do exército do ceo, pois botou por terra parte do mesmo e parte das estrelas, ás que pisou coas patas. [11]Levantouse contra o mesmo xefe do exército, suprimiulle o sacrificio cotián e derrubou o lugar do seu santuario. [12]O exército foille entregado, así como o sacrificio expiatorio; a verdade foi tirada por terra; actuou así, e deulle resultado. [13]Oín entón a dous santos que estaban a falar entre si.

Preguntaba un deles: –Ata cando vai durar iso da visión: o sacrificio cotián e mais o expiatorio abolidos, a desolación do santuario e o exército esmagado cos pés?

[14]Contestoulle o outro: –Dúas mil trescentas tardes e mañás. Despois o santuario será reivindicado.

### Explicación da visión

[15]Mentres eu, Daniel, observaba a visión e trataba de comprendela, apareceu de pé, diante de min, unha figura humana. [16]Oín tamén unha voz de home na beira do Ulai, que berrou: –Gabriel, explícalle a visión a este.

[17]Veu el cara a onde estaba eu e, en canto se me acercou, eu fiquei abraiado e caín sobre o meu rostro; pero el díxome: –Home, debes comprender que a visión fai referencia ao tempo final.

[18]Mentras el me falaba, eu perdín o coñecemento, e seguín co rostro na terra; pero el agarroume e púxome de pé.

[19]Despois díxome: –Heiche explicar o que vai acontecer no tempo final da ira; porque o prazo derradeiro está fixado. [20]O carneiro de dous cornos que viches, representa os reis de Media e Persia; [21]o macho cabrún é o rei de Grecia, e o corno grande que tiña entre os seus ollos é o primeiro rei. [22]O que rompeu e mais os catro cornos que saíron no seu lugar son catro reinos que xurdirán desta nación, pero non terán a súa forza. [23]Ao remate dos seus reinados, cando teñan chegado ata o colmo as súas atrocidades, xurdirá un rei insolente, experimentado en astucias. [24]Chegará a ter moito poder, aínda que non pola súa forza: causará ruínas nunca oídas e prosperará nas súas empresas. Destruirá os poderosos e o pobo dos santos. [25]Pola súa habilidade, a fraude triunfará nas súas mans e cubrirase de soberbia o seu corazón; arruinará a moitos con sangue frío. Mesmo se alzará contra o Príncipe dos príncipes, pero será destruído sen intervención humana ningunha. [26]A visión referente ás tardes e ás mañás é verdadeira; pero ti mantén secreta a visión, porque se refire a días afastados.

[27]Eu, Daniel, desfalecín e caín enfermo por algúns días. En canto me erguín, púxenme a atender os asuntos do rei, pero seguía alarmado por causa da visión, sen podela comprender.

### A profecía das setenta semanas

**9** [1]No ano primeiro de Darío, fillo de Axuero, da caste dos medos, que fora constituído rei do reino dos caldeos, [2]no ano primeiro do seu reinado, eu, Daniel, tratei de comprobar nos libros da palabra de Deus dirixida ao profeta Xeremías, o número de anos que tiñan que pasar sobre as ruínas de Xerusalén: setenta anos. [3]Despois volvín o

**8**, 8 Alexandre Magno acadou un gran imperio; pero foi sorprendido pola morte no momento do seu meirande esplendor e o imperio ficou dividido en catro partes, que gobernaron catro dos seus xenerais (= os catro cornos).

**8**, 9 Un dos catro xenerais, Seleuco, recibiu Siria; naceu así a dinastía dos seléucidas; pero a preocupación do escritor céntrase nun dos seus sucesores, o gran perseguidor dos xudeus, Antíoco IV Epífanes, representado aquí polo corno que xurdiu doutro corno. Fixo expedicións contra Exipto (= o Sur), contra oriente (Persia, en concreto), e contra Palestina, nomeada aquí coa expresión "País do Esplendor".

**8**, 10 A soberbia e mais a teima do poder fixeron que Antíoco Epífanes causase moitas aldraxes (cf vv. 24-25) aos xudeus empeñados na fidelidade á súa fe.

**8**, 11-12 O perseguidor atreveuse a inxuriar directamente ao mesmo Deus: suprimiu o culto que se lle tributaba no templo de Xerusalén e mandou adorar nel a Zeus. Por iso engade o escritor: "a verdade foi tirada por terra".

**8**, 14 *Dúas mil trescentas tardes e mañás*, é dicir, 1.150 días enteiros. Fálase expresamente das dúas partes do día para facer alusión aos dous sacrificios diarios matutino e vespertino que se ofrecían no templo; deixaron de ser ofrecidos 2.300 sacrificios ao Deus verdadeiro.

**8**, 15 *Unha figura humana*: no v. seguinte dise quen vén ser o anxo Gabriel.

**8**, 17 *Home*: lit. "fillo de home".

**8**, 21 *O primeiro rei*: Alexandre Magno.

**8**, 26 É frecuente na literatura apocalíptica o encargo de gardar en secreto unha visión. Cando o contido da visión está para se cumprir decontado, entón faise publicar.

**9**, 2 En Xer **25**, 11 e **29**, 10 dise que a desolación de Xerusalén non desaparecerá ata que pasen setenta anos. Refírese ao tempo da catividade e á data do retorno do exilio de Babilonia.

meu rostro cara ao Señor Deus, pregándolle con oracións e súplicas, con xaxún, saco e cinsa. 4Rogueille ao Señor, meu Deus, e fixenlle a miña confesión, dicindo:

Señor, Deus grande e terrible,
que conservas a alianza e a benevolencia
cos que te aman e observan
os teus mandamentos.
5 Nós pecamos, cometemos crimes,
fomos impíos,
rebelámonos, afastándonos
dos teus mandamentos e preceptos.
6 Non fixemos caso
dos teus servos os profetas,
que lles falaron no teu nome
aos nosos reis,
aos nosos xefes, aos nosos pais
e a toda a poboación do país.
7 Ti, Señor, tes a razón,
pero nós temos a cara chea de vergonza,
como lles pasa hoxe aos homes de Xudá,
aos habitantes de Xerusalén
e a todo Israel, vivan preto ou lonxe,
en todos os países por onde os espallaches
a causa das infidelidades
que cometeron contra Ti.
8 Señor, a vergonza canga sobre nós,
sobre os nosos reis,
os nosos xefes e os nosos pais,
porque pecamos contra Ti.
9 Pero é propio do Señor, noso Deus,
ter misericordia e perdoar,
aínda que nos teñamos rebelado contra El.
10 Non fixemos caso do Señor, noso Deus,
de obedecer as instrucións que El nos deu
por medio dos profetas, os seus servos.
11 Todo Israel incumpriu a túa lei
e afastouse dela sen escoitar a túa voz,
por iso caeron enriba de nós a maldición
e mais a imprecación escritas
na Lei de Moisés, servo de Deus,
pois pecamos contra El.
12 El cumpriu a palabra
que pronunciara contra nós
e contra os xefes que nos gobernaban,
traendo sobre nós
unha calamidade tan grande
que nunca houbo outra debaixo do ceo
coma a que acaeceu en Xerusalén.
13 Tal como está escrito na Lei de Moisés,
sobreveunos toda esta desgraza;
con todo, nós non tratamos
de aplacar o Señor, noso Deus,
converténdonos dos nosos crimes
e recoñecendo a túa verdade.
14 O Señor estivo atento
a esta calamidade
e tróuxoa sobre nós,
porque o Señor, noso Deus,
é xusto en todas as obras que fai;
pero nós non escoitamos a súa voz.
15 E agora, Señor, noso Deus,
que fixeches saír o teu pobo
do país de Exipto
con man forte, acadando tal sona
que dura ata hoxe:
nós pecamos, procedemos inicuamente.
16 Señor, en conformidade coa túa xustiza,
prégoche que se afaste a túa ira
e mais o teu furor
da túa cidade, Xerusalén,
o teu monte santo.
Pois por causa dos nosos pecados
e polos delitos de nosos pais
Xerusalén e mais o teu pobo
son obxecto de escarnio
para todos os pobos veciños.
17 Agora, pois, noso Deus, escoita
a oración e mais as súplicas do teu servo,
e fai brillar o teu rostro
sobre o teu santuario desolado,
en atención a ti mesmo, Señor!
18 Meu Deus, inclina o teu oído
e escóitame,
abre os ollos e mira a nosa desolación
e a cidade sobre a que se invoca
o teu nome,
porque non presentamos
ante Ti as nosas súplicas
apoiados nas nosas obras de xustiza,
senón na túa gran misericordia.
19 Escoita, Señor; perdoa, Señor;
atende e actúa, Señor; non tardes máis,
por mor de Ti mesmo, meu Deus!,
pois o teu nome é invocado
sobre a túa cidade
e sobre o teu pobo.

### O anxo explica a profecía

20 Estaba eu falando aínda, pregando e confesando o meu pecado e mais o do meu pobo Israel, e presentando a miña súplica ao Señor, meu Deus, en favor do seu monte santo.
21 Aínda estaba pronunciando a miña oración,

**9**, 4-19 A longa oración de Daniel semella a de Azarías (cf **3**, 24-45). Abundan nela sentimentos moi propios da fe xudaica sobre os atributos do seu Deus, manifestados na historia da salvación.

cando Gabriel, o personaxe que eu vira na visión ao comezo, chegou voando onda min no momento da oblación vespertina.

22En chegando, falou comigo; díxome:
–Daniel, acabo de saír para ilustrar a túa intelixencia. 23Ao comezares as túas súplicas, tomouse unha decisión, e eu vin para te informar dela, pois ti es un predilecto. Polo tanto, presta atención á palabra e fai por entender a visión:

24Foron fixadas setenta semanas
para o teu pobo e a túa cidade santa
coa intención de facer cesar o delito,
pórlle fin ao pecado
e expiar a iniquidade,
para dar cabida á xustiza eterna,
para selar a visión e mais a profecía
e unxir o lugar santo dos santos.

25Trata de saber e comprender: desde o momento en que saíu a orde de reconstruír Xerusalén ata o Príncipe unxido pasarán sete semanas. Durante sesenta e dúas semanas construiranse de novo as prazas e mais os foxos, con seren tempos difíciles. 26Despois das sesenta e dúas semanas matarán o unxido inocente. O pobo do príncipe que vai vir destruirá a cidade e mais o santuario. O seu remate virá por unha inundación, pero ata o final están decretadas guerra e devastacións. 27Fará unha alianza firme con moitos durante unha semana, e no medio da semana fará cesar o sacrificio e mais a oblación. E no templo porá a abominación da desolación, ata que a ruína decretada veña sobre o devastador.

### A visión dos tempos derradeiros

**10** 1No ano terceiro de Ciro, rei de Persia, a Daniel, chamado Baltasar comunicóuselle unha palabra. A palabra era certa, un exército enorme. El comprendeu a palabra e entendeu a visión.

2Naquel tempo, eu, Daniel, estiven de loito durante tres semanas. 3Non comín manxares selectos, non probei carne nin viño, nin me perfumei mentres non pasaron as tres semanas enteiras. 4O día vinte e catro do mes primeiro estaba eu na beira do río grande, é dicir, o Tigris. 5Alcei a vista e mirei: vin un home vestido de liño e cinguido cun cinto de ouro puro. 6O seu corpo era coma crisólito; o seu rostro tiña o aspecto dun lóstrego; os seus ollos eran coma fachos acesos; os seus brazos e mais as súas pernas, coma o fulgor do bronce brunido; e o son das súas palabras, coma o murmurio dun xentío.

7Tan só eu, Daniel, vin a aparición; os homes que estaban comigo, aínda que non vían a visión, colleron moito medo e fuxiron a se esconderen. 8Quedei eu só contemplando esta gran visión, pero falláronme as forzas, quedei sen cor, desfigureime e perdín todo o meu vigor. 9Entón oín o son das súas palabras, e no momento de oílas, caín de bruzos desmaiado no chan. 10Nisto tocoume unha man, e sacudiume facéndome erguer sobre os xeonllos e as palmas das miñas mans.

11Despois díxome: –Daniel, home predilecto: fíxate nas palabras que che vou dicir, e ponte dereito, pois acabo de ser mandado onda ti.

En canto me dicía estas palabras erguinme tremendo.

12Logo díxome: –Non teñas medo, Daniel, pois desde o primeiro día en que trataches de comprender e te humillaches ante o teu Deus, as túas palabras foron escoitadas, e vin pre-

**9**, 24 A profecía das setenta semanas alude aos faustos acontecementos que terán lugar cando desapareza o perseguidor e cese aquela traxedia (ano 164 a. C.). Anúnciase un cambio preferentemente moral e espiritual, que no proxecto divino só se cumprirá coa vinda do Mesías. O sentido fondo da profecía é claramente mesiánico. Cómpre lembrar que aquí se fala de "semanas" no sentido de setenarios, é dicir, períodos de sete anos.
*O lugar santo dos santos* ( lit. "o santo dos santos"), é unha expresión semítica equivalente a un superlativo: "o lugar santísimo", ou "o lugar máis santo".
**9**, 25-27 Esta gran profecía distingue tres etapas no desenvolvemento dos sucesos: 1.ª Desde a destrución de Xerusalén ata que se dea orde de reconstruíla pasarán sete bloques de sete anos, é dicir, corenta e nove anos (do 586 ata o 538). 2.ª Durante sesenta e dúas semanas (62 x 7 = 434 anos), concretamente, desde que Ciro decrete a reconstrución do templo (538 a. C.) ata o principio do período dos macabeos, o pobo de Deus atravesará tempos de relativa serenidade. 3.ª A época dos macabeos sinala o momento final da profecía: aqueles sete anos de loita, rematados coa vitoria do ben sobre o mal (171-164), representan os trazos máis enxebres dos tempos mesiánicos. Cando todo semella estar envolto pola descrenza e a maldade satánica, Deus fai sentir a súa voz, e a súa luz arreda toda escuridade.
**9**, 25 Aínda con ser un rei pagán, Ciro de Persia foi chamado "príncipe unxido" (cf Is **45**, 1). O seu cometido foi providencial para Israel: tras derrotar o poder opresor (a Babilonia), decreta a reconstrución do templo e permite o retorno do exilio.
**9**, 26 *Unxido inocente*. O adxectivo dálle concreción ao substantivo, pero non é unha referencia directa ao Mesías. Aquí alúdese ao asasinato do sumo sacerdote Onías III, que tivo lugar no 170 a. C., tal como se describe en 2 Mac **4**, 30-38.
**9**, 27 *Unha alianza firme*: os acordos entre Antíoco IV e os xudeus. Estes últimos cederon ante as esixencias do rei e abandonaron os seus deberes relixiosos (cf 1 Mac **1**, 43-66).
**10**, 1 *Un exército enorme* (segundo o texto hebreo); outros, mirando ao contexto seguinte, traducen: "unha gran calamidade", ou "unha gran loita".
**10**, 2-3 Daniel estase a preparar para recibir outra visión, co xaxún e outras privacións voluntarias.

cisamente con motivo das túas palabras. [13]O príncipe do reino de Persia opúxoseme durante vinte e un días, pero Miguel, un dos xefes principais, acudiu a auxiliarme; foi polo que me detiven onda os reis de Persia. [14]Vin para che dar a coñecer o que lle vai pasar ao teu pobo nos tempos derradeiros, pois aínda queda unha visión para aqueles días.

[15]Mentres me dicía estas palabras, eu inclinei o rostro cara ao chan, e gardei silencio. [16]Unha figura humana tocoume os labios; entón eu abrín a boca e falei co que estaba diante de min; díxenlle: –Señor, debido a esta visión, eu síntome moi angustiado e estou sen forzas. [17]E, como vai poder falar este servo con tal Señor, se me encontro sen forzas e mesmo sen alento?

[18]Entón a figura humana tocoume outra vez e reconfortoume. [19]Díxome: –Non teñas medo, home predilecto! Está tranquilo! Ten valor e anímate.

Mentres me falaba, recobrei forzas, e díxenlle: –Agora podes falar, Señor, xa que me reconfortaches.

[20]Entón dixo el: –Sabes por que vin onda ti? Teño que volver e loitar contra o príncipe de Persia. Tras partir eu, chegará o príncipe de Grecia. [21]Pero vouche comunicar o que está escrito no libro da verdade. Ninguén me presta axuda contra eles, a non ser o voso príncipe, Miguel.

### A guerra entre Persia e Grecia

**11** [1]Eu, pola miña parte, estiven onda el no ano primeiro de Darío, o medo, para apoialo e defendelo. [2]Agora vouche comunicar a verdade: Mira, en Persia vai haber aínda tres reis. O cuarto amoreará máis riqueza ca todos os outros; pero cando se considere poderoso pola riqueza, encirrará a todos contra o reino de Grecia. [3]Xurdirá un rei valente, que reinará con moito poder e actuará conforme a súa vontade. [4]Pero tan pronto se consolide, o seu reino será fraccionado e dividido entre os catro ventos do ceo; non o herdará a súa posteridade nin terá tanto poder, porque o seu reino será desmembrado e pasará a outros distintos destes.

### Rivalidade entre Siria e Exipto

[5]O rei de Mediodía farase poderoso, pero un dos seus xefes chegará a ser máis forte ca el, e prevalecerá; terá un imperio moi grande. [6]Ao cabo dalgúns anos concertarán unha alianza, e a filla do rei do Mediodía virá onda o rei do Norte, para establecer os acordos; con todo, ela perderá a forza do seu brazo; tampouco subsistirá a súa descendencia, pois ela mesma, o seu séquito, o seu fillo e mais o protector serán entregados por certo tempo.

[7]Pero xurdirá no seu lugar un renovo saído das súas raíces; el avanzará cun exército e penetrará na fortaleza do rei do Norte, loitará contra eles e triunfará. [8]Levará consigo para Exipto tamén os seus deuses coas súas imaxes de metal fundido e tamén os obxectos preciosos de prata e ouro. Por uns poucos anos deixará en paz ao rei do Norte. [9]Este fará unha incursión no territorio do rei de Mediodía, pero logo retornará para o seu país. [10]Os seus fillos volverán ás hostilidades, reunirán exércitos moi grandes, cos que avanzarán coma unha inundación; darán volta para atrás, pero repetirán os ataques contra a súa fortaleza. [11]O rei do Mediodía, exasperado, sairá a loitar contra el, contra o rei do Norte, quen mobilizará un exército numeroso; pero tal exército caerá nas mans daquel. [12]Tras aniquilar este exército, o corazón do rei encherase de soberbia, e fará perecer a milleiros de homes; pero non triunfará. [13]En efecto, o rei do Norte volverá a mobilizar un exército aínda maior ca o anterior; pasados uns anos volverá cun exército ben fornecido.

**10**, 13 Nos escritos apocalípticos móstrase a crenza de que cada nación ten no ceo un anxo protector que mira polos seus intereses. Neste caso faise referencia a un enfrontamento entre o anxo protector de Persia e o que fala con Daniel, auxiliado por Miguel, o anxo protector do pobo de Deus (cf **12**, 1). A Apocalipse de Xoán describe tamén unha loita de Miguel e mais os seus anxos contra o dragón e mais os seus (Ap **12**, 7-12).

**10**, 21 *O libro da verdade*: un libro celeste no que está escrito canto vai suceder na terra. É un recurso empregado nesta clase de literatura para subliñar que todo está previsto por Deus.

**11**, 1 Este c. presenta unha síntese dos acontecementos vividos por Israel desde o dominio de Persia e pasando polo período helenista ata o reinado de Antíoco IV.

**11**, 3 Describe a Alexandre Magno (336-323 a. C.), o fundador do grande imperio helénico.

**11**, 4 Alude á división do reino de Alexandre entre os seus catro xenerais, por non ter quen o herdase na familia (cf nota a **8**, 8).

**11**, 5 O primeiro rei que goberna Exipto ("Mediodía") trala morte de Alexandre, foi Ptolomeo Lagos (323-285 a. C.). Un dos seus xenerais, Seleuco I Nicátor, acadará un grande imperio en Asia. Con el comeza a dinastía dos seléucidas.

**11**, 6 Refírese a Antíoco II de Siria, que casou con Berenice, filla do seu inimigo Ptolomeo II de Exipto. Estes dous reis morreron no mesmo ano (246); e Laódice, que fora a primeira muller de Antíoco II, matou a Berenice e o fillo desta.

**11**, 7 Ptolomeo III declaroulle a guerra a Seleuco II de Siria (fillo de Laódice) para vingar a morte de súa irmá Berenice e mais do seu sobriño. Venceu o rei de Exipto.

**11**, 13 Antíoco III reconquista Palestina no 198.

[14]Por aquel tempo alzaranse moitos contra o rei do Mediodía. Rebelaranse tamén homes violentos do teu pobo, intentando dar cumprimento á visión; pero fracasarán. [15]Virá o rei do Norte, construirá unha trincheira e conquistará unha das cidades fortificadas. As tropas de Mediodía non darán resistido, nin sequera os máis valentes terán valor abondo para resistiren. [16]Aquel que vai avanzar contra el procederá ao seu antollo, non haberá quen lle faga fronte. Hase establecer no País do Esplendor, levando a destrución na súa man. [17]Posto no plan de se apoderar de todo o seu reino, concertará alianzas con el e daralle unha filla por esposa para arruinalo; con todo, o proxecto non lle dará resultado. [18]Entón dirixirase ás illas, e conquistará moitas delas; pero un xefe porá fin ás súas aldraxes, aínda que non lle poida dar a paga delas. [19]Despois porá a súa mira nas fortalezas da súa propia terra, pero sufrirá un tropezo e caerá sen deixar rastro de si. [20]Alzarase outro sobre o seu posto, un que mandará un saqueador a requisar o tesouro do reino; pero aos poucos días acabará esnaquizado, en circunstancias non de rancor nin de guerra.

### Antíoco IV Epífanes

[21]Ocupará o seu lugar un home desprezable, a quen non se lle concederá a dignidade real; el empezará con acenos de paz, pero apoderarase do reino a base de intrigas. [22]As forzas armadas serán derrotadas e esbandalladas por el, así coma o xefe da alianza. [23]Obrará con engano despois do pacto feito por el, e, a pesares de dispor de pouca xente, medrará e farase forte. [24]Con moito disimulo irase metendo nas bisbarras máis fértiles da provincia, e fará o que nunca ousaron facer seus pais nin seus avós: distribuirá aos seus o botín, os despoxos e mais as riquezas, planeará estrataxemas contra as fortalezas; pero tan só por certo tempo. [25]Empregará a súa forza e mais a súa fogaxe contra o rei do Mediodía cun gran exército; o rei de Mediodía disporase para a guerra cun exército tamén moi grande e poderoso; pero non lle poderá facer fronte, pois será vítima de conspiracións. [26]Os mesmos que comen á súa mesa serán a súa desgraza; o exército quedará afundido e moitos caerán feridos de morte.

[27]Os dous reis, co corazón ateigado de maldade, sentarán á mesma mesa para se intercambiaren mentiras, pero non lles vai valer de nada, pois a fin chegará no tempo fixado. [28]O rei do Norte tornará á súa terra con moitas riquezas; pero, tendo proxectos hostís contra a alianza santa, realizaraos e despois volverá ao seu país. [29]No tempo determinado invadirá novamente o Mediodía, pero esta vez non lle dará resultado coma a vez anterior. [30]Virán contra el os barcos de Chipre, e el desistirá. Entón descargará de novo a súa furia contra a alianza santa; tras actuar, regresará e terá consideración dos desertores da alianza santa. [31]Tropas mandadas por el farán acto de presenza para profanaren o santuario e mais a fortaleza, abolirán o sacrificio cotián e porán alí a abominación da desolación. [32]Aos violadores da santa alianza corromperaos a base de gabanzas; con todo, o pobo, coñecedor do seu Deus, manterase firme e obrará con consecuencia. [33]Os sabios de entre o pobo adoutrinarán a moitos, aínda que por algún tempo teñan que sufrir a espada, o lume, o desterro e mais a confiscación dos bens. [34]Cando caian, recibirán unha pequena axuda, e moitos uniranse a eles con finximento. [35]Algúns dos sabios sucumbirán, para someteren a proba, acrisolar e branquear aos outros para o tempo final, pois o prazo está fixado.

**11**, 16 *O País do Esplendor*, é dicir, Palestina, cae en poder de Siria no ano 197, e permanecerá baixo o poder dos seléucidas ata o ano 142 a. C.
**11**, 17 Con miras de se apoderar de Exipto, Antíoco III deulle a Ptolomeo V por esposa a súa filla Cleopatra.
**11**, 18 *Illas*: as cidades costeiras do Mediterráneo, particularmente as de Asia Menor. Despois de conquistar varias delas, Antíoco III foi derrotado en Magnesia polo romano Escipión (190 a. C.).
**11**, 19 Antíoco III pereceu no ano 187, cando intentaba roubar un templo de Bel en Elimaida, para pagar unha débeda.
**11**, 20 *O tesouro do reino* (lit. "a gloria o esplendor do reino"). Seleuco IV tratou de se apoderar do tesouro do templo de Xerusalén, pero morreu envelenado polo seu ministro Heliodoro.
**11**, 21 *Un home desprezable*: Antíoco IV (175-164). Era irmán de Seleuco IV e usurpoulle o reino ao fillo deste, Demetrio.
**11**, 22 *O xefe da alianza*: Onías III, sumo sacerdote.
**11**, 25 Antíoco IV lanza un primeiro ataque contra Exipto, estando no poder Ptolomeo VI Filométor (173 a. C.).
**11**, 29 No ano 168 volve Antíoco contra Exipto, pero esta vez fracasou (cf 2 Mac **5**, 1-14).
**11**, 30 *Os barcos de Chipre*: unha frota romana impediu que Antíoco arremetese contra Chipre e Exipto. Despois desta campaña foi cando Antíoco IV Epífanes teimou helenizar pola forza o pobo xudeu, dando ocasión á grande persecución (167-164 a. C.).
**11**, 31 Fai cesar o culto a Deus no templo de Xerusalén e dedica este templo a Zeus Olímpico; sobre o altar dos sacrificios coloca un altar pagán (cf notas a **7**, 25 e **8**, 11-12). Este feito é cualificado polo escritor como a abominación da desolación (cf 1 Mac **1**, 39-40. 54).

[36]O rei actuará á súa maneira, ensoberbecerase e prezarase por enriba de todos os deuses, e dirá insolencias contra o Deus dos deuses. Prosperará en tanto non chega o momento do furor, pois hase cumprir o que foi decretado. [37]El non venerará os deuses dos seus devanceiros, nin o predilecto das mulleres; non respectará a ningún deus, pois coidará ser superior a todos eles. [38]En troques, honrará ao deus das fortalezas; ofrecerá ouro e prata, pedras preciosas e xoias a un deus a quen seus pais non coñeceron. [39]Adicará as cidades fortificadas a un deus estranxeiro; a cantos o recoñezan ateigaraos de gloria, outorgaralles autoridade sobre moitos e distribuiralles a terra como recompensa.

[40]Nos tempos derradeiros loitará contra el o rei do Mediodía, pero o rei do Norte lanzarase contra el con carros de guerra, xinetes e moitas barcas; invadirá as súas terras e atravesaraas coma unha inundación. [41]Penetrará no País do Esplendor. Moitos caerán, pero hanse librar das súas mans os seguintes: os de Edom, os de Moab e os máis selectos dos habitantes de Ammón. [42]Tamén estenderá a súa man sobre outros territorios, nin sequera se librará Exipto. [43]Apoderarase dos tesouros de ouro e prata e de todos os obxectos preciosos de Exipto. Aos libios e aos etíopes halles pasar o mesmo. [44]Pero quedará turbado polas noticias chegadas de oriente e mais do norte, e marchará cheo de furia, disposto a acabar con moitos. [45]Plantará as tendas reais entre o mar e o monte santo do Esplendor. Entón chegará o seu final e ninguén lle prestará axuda.

### Os tempos mesiánicos e a retribución

**12** [1]Naquel tempo alzarase Miguel, o gran príncipe que protexe os fillos do teu pobo. Será época de angustia, tal que nunca a houbo coma ela desde que as nacións existen ata aquel tempo. Mesmamente naquel tempo salvarase o teu pobo: todos os que se atopen inscritos no libro. [2]Moitos dos que dormen no po da terra espertarán: uns para a vida eterna, outros para a ignominia, para a reprobación eterna. [3]Os sabios brillarán coma o fulgor do firmamento, e os que educaron na xustiza aos demais serán coma as estrelas por toda a eternidade. [4]Pero ti, Daniel, mantén secretas estas palabras e ten o libro selado ata o momento final. Moitos correrán de aquí para acolá e aumentarán o seu saber.

[5]Eu, Daniel, ollei e vin outros dous homes que estaban de pé, un na beira de acá do río e outro na beira de alá. [6]E pregunteille ao home vestido de liño que estaba sobre as augas do río: –Cando acabarán estas cousas prodixiosas?

[7]O home vestido de liño, que se achaba sobre as augas do río, levantou a man dereita cara ao ceo, o mesmo ca a esquerda, e sentinlle xurar por aquel que vive eternamente: –Por un ano, dous anos e mais a metade dun ano. Cando quede totalmente extinguida a forza do pobo santo, entón cumpriranse todas estas cousas.

[8]Eu oín, pero non cheguei a comprender. Entón preguntei: –Meu señor, cal será o resultado destas cousas?

**11**, 36 Que Antíoco IV non só quixese abolir a relixión xudía, senón que pretendese ser recoñecido el mesmo como un deus, tivo que anoxar moito aos bos xudeus. As moedas mostran ben as súas aspiracións: "Antíoco, deus manifestado".

**11**, 37 O ídolo predilecto das mulleres era Tamuz Adonis (cf Ez **8**, 14).

**11**, 41 *Edom, Moab e Ammón* eran inimigos de Israel.

**11**, 44-45 Por esta vez, o plan de Antíoco Epífanes de destruír Palestina non se realizou, pois sorprendeuno a morte en Raba (Persia), por causa dunha enfermidade (cf Dn **8**, 25). Que o autor non concrete detalles acerca da morte de Antíoco, pode ser debido a que escribiu o libro antes de que acontecese. Sobre o final de Antíoco, véxase 1 Mac **6**, 1-13 e 2 Mac **9**.

**12**,1 Nas apocalipses fálase a miúdo dun libro ou rexistro existente no ceo, no que están anotados os nomes dos que se han salvar, é dicir, algo así como unha lista onde constan os nomes dos xustos por estaren destinados a formar parte da Xerusalén celeste (cf Lc **10**, 20; Ap **3**, 5; **13**, 8; 17, 8; **20**, 12).

**12**, 2 Por primeira vez no A. T. achamos aquí unha afirmación concreta e luminosa sobre a futura resurrección individual dos mortos (cf 2 Mac **7**, 9; Mt **25**, 46; Xn **5**, 29).

*Os que dormen no po* é un eufemismo equivalente a "os que morreron".

*Espertarán*: resucitarán.

**12**, 3 As imaxes empregadas polo escritor subliñan esa transformación que experimentarán os homes de ben na vida ultraterreal, en concepto de premio. Vese o empeño de dar azos aos que predicaban a constancia da fe.

**12**, 4 Como en Dn **8**, 26, insiste na consigna de gardar segredo sobre a revelación recibida ata o momento sinalado. Tal momento é en realidade ese tempo difícil en que escribe o autor e mais os primeiros lectores do escrito.

**12**, 5-6 A alusión ao río (Ulai) fai lembrar o contexto de lugar que nos mostrou ao principio desta longa visión (cf **8**, 2), talvez para matizar a súa unidade, aínda que esta fase final sexa máis espiritual.

**12**, 7 *Un ano, dous anos e mais a metade dun ano*: lit. "un tempo, dous tempos e medio tempo". Tres anos e medio é o período de tempo que os libros apocalípticos atribúen á actuación do poder do mal (do "anticristo", como dirá Xoán). Buscando unha variedade expresiva, empréganse distintas frases: igual que esta, en **7**, 25 e Ap **12**, 14; media semana de anos (= tres anos e medio), en **9**, 27; un número de días aproximadamente equivalente, en Dn **8**, 14; **12**, 11 e Ap **11**, 3; por último, o número de meses que comprenden os tres anos e medio: 42 meses (Ap **11**, 2).

[9]El respondeume: –Vaite, Daniel, que estas cousas son secretas, e quedan seladas deica o momento final. [10]Moitos tornarán puros, branqueados e acrisolados; pola contra, os malvados seguirán a facer mal; ningún impío comprenderá nada, pero os sabios daranse conta. [11]Desde o tempo en que sexa abolido o sacrificio cotián e instalen a abominación da desolación, pasarán mil douscentos noventa días. [12]Benaventurado quen poida agardar ata que pasen mil trescentos trinta e cinco días. [13]Pero ti vaite e descansa. Xa te levantarás para recibires o teu destino no remate dos días.

## III. OUTROS EPISODIOS DA VIDA DE DANIEL

### Historia de Susana

**13** [1]En Babilonia vivía un home que se chamaba Ioaquim. [2]Casou cunha muller chamada Susana, filla de Quelcías; era moi fermosa e devota do Señor. [3]Seus pais eran honrados e instruíran a súa filla segundo a Lei de Moisés. [4]Ioaquim era moi rico e tiña un parque a carón da súa casa. Como era o home de máis prestixio entre todos eles, os xudeus acostumaban acudir cabo del. [5]Naquel ano foran designados xuíces dous anciáns do pobo, deses dos que ten dito o Señor: "En Babilonia a iniquidade saíu dos anciáns, que eran xuíces e finxían ser guías do pobo". [6]Estes ían acotío pola casa de Ioaquim, e todos cantos tiñan preitos viñan onda eles.

[7]Ao mediodía, cando o pobo se retiraba, Susana saía a pasear polo parque do seu marido. [8]Os anciáns víana a diario cando saía a pasear, e chegaron a sentir paixón por ela. [9]Perverteron a súa mente e desviaron os ollos para non ollaren de cara a Deus nin teren en conta os seus xustos xuízos. [10]Ambos os dous entolecían de paixón por ela, pero non se manifestaban un ao outro a súa inquedanza, [11]pois dáballes vergonza descubrir o seu anhelo, pois desexaban ter relacións sexuais con ela. [12]Un día tras outro buscaban devecidos ocasión de a veren. [13]Un día díxolle un ao outro: –Vamos para a casa, que xa é hora de xantar.

O saíren, separáronse; [14]pero, dando un rodeo, volveron a se encontrar no mesmo lugar, e, tras preguntarse mutuamente por que motivo, confesaron a súa paixón. Entón, de común acordo, trataban de buscar un momento axeitado para a sorprenderen estando soa. [15]Aconteceu que, estando eles á espera dun día axeitado, unha vez saíu ela coma en días anteriores acompañada só por dúas criadas, e sentiu ganas de se bañar, pois ía calor. [16]Alí non había ninguén, de non seren os dous vellos que a estaban axexando escondidos. [17]Susana díxolles ás criadas: –Traédeme o aceite e mais os perfumes e pechade as portas do parque, para que me poida bañar.

[18]Elas, tal como lles indicara, pecharon as portas do parque e saíron pola porta lateral para traeren o que ela pedira; non se decataron de que os vellos estaban escondidos. [19]Tan pronto como saíron as criadas, ergueronse os dous vellos, correron para onda ela, [20]e dixéronlle: –Mira, as portas do parque están pechadas, non nos ve ninguén; ademais nós estamos desexosos de ti, así que, dános o teu consentimento e entrégate a nós. [21]Se non, daremos testemuño contra ti de que estaba contigo un mozo e que por iso mandaches marchar ás criadas.

[22]Susana xemeu e dixo: –Véxome acurralada por todas as partes; pois, se fago isto, agárdame a morte; e, se non o fago, non darei fuxido das vosas mans. [23]Pero éme preferible non o facer, aínda que caia nas vosas mans, antes que pecar contra o Señor.

[24]Entón Susana púxose a gritar a toda voz, pero os vellos berraron tamén contra ela. [25]Un deles botou a correr e abriu as portas do parque. [26]A xente da casa, tan axiña como oíu os gritos no parque, veu correndo pola porta lateral para ver que pasara. [27]E cando os vellos contaron a súa historia, os criados quedaron moi avergonzados, porque Susana nunca dera que falar cousa semellante.

**12**, 13 Alude ao premio derradeiro que lle está reservado polo fiel cumprimento da súa misión.

**13**, 1 Os cc. **13** e **14** son narracións didácticas polo estilo de Dn **1**-**6**. Están escritas en grego: con todo, certas expresións fan pensar nun texto orixinal semítico que non se conservou.

Seguimos a versión grega de Teodoción; no tocante ao relato da historia de Susana hai que lembrar que esta versión colócao ao comezo do libro de Daniel, por referir unha intervención de Daniel sendo aínda rapaz.

**13**, 1 *En Babilonia*, detalle engadido por Teodoción.

**13**, 3 Móstrase un aspecto propio da literatura sapiencial que predispón ao lector a adiviñar o bo resultado final da protagonista; aínda así, o narrador sabe manter a intriga ata chegar ao desenlace do episodio.

**13**, 15 *Coma en días anteriores*: lit. "como a véspera e a antevéspera".

**13**, 22 A muller adúltera era castigada na Lei de Moisés coa lapidación (cf Lev **20**, 10; Dt **22**, 22-23).

**Sentenza inxusta contra Susana**

[28]O día seguinte, cando o pobo se xuntou
na casa do seu marido, de Ioaquim, acudiron
tamén os dous vellos, obcecados co propósito criminal de condenar á morte a Susana.
[29]Dixeron diante do pobo: –Mandade buscar
a Susana, filla de Quelcías, a muller de Ioaquim.

Fórona buscar. [30]Veu ela con seus pais, os
fillos e todos os seus parentes. [31]Susana era
moi fina e fermosa. [32]Aqueles malvados mandáronlle quitar o veo –pois ela ía cuberta–
para se fartaren da súa beleza. [33]Pero todos
os seus e cantos a contemplaban, choraban.
[34]Entón os dous vellos levantáronse do medio
da xente e puxéronlle as mans sobre a cabeza.
[35]Ela, chorando, levantou a vista cara ao ceo,
pois o seu corazón confiaba no Señor.

[36]Os vellos declararon: – Cando nós estabamos paseando sos polo parque, entrou esta
con dúas criadas, pechou as portas do parque e mandou marchar ás criadas. [37]Entón
veu cabo dela un mozo que estaba escondido, e deitouse con ela. [38]Nós, que estabamos
nunha esquina do parque, en vendo o delito,
corremos cara a eles. [39]Vímolos abrazados,
pero ao mozo non o puidemos apreixar,
porque era máis forte ca nós, e, tras abrir
as portas, fuxiu. [40]Pero a esta apreixámola e
preguntámoslle quen era o mozo, [41]pero non
nolo quixo dicir. Disto somos nós testemuñas.

Como eran anciáns do pobo e xuíces, a
asemblea creu neles e condenaron a morte a
Susana.

[42]Susana berrou con voz forte, dicindo:
Deus eterno, que coñeces os segredos,
que o sabes todo antes de que pase,
[43]ti ben sabes que declararon
en falso contra min,
e, velaí, vou morrer,
sendo que non fixen nada
de canto estes argallaron
perversamente contra min.
[44]O Señor escoitou a súa voz.

**Daniel salva a Susana**

[45]Cando a levaban camiño da morte, Deus
suscitou unha santa inspiración nun rapaz
chamado Daniel, [46]quen exclamou con voz
forte: –Eu non son responsable do sangue
desta muller!

[47]A xente toda volveuse cara a el, e díxolle:
–Que significan esas palabras que dixeches?

[48]El, poñéndose de pé no medio deles, respondeu: –Tan parvos sodes, fillos de Israel?
Condenastes a unha filla de Israel sen investigar e sen ter comprobado o caso. [49]Volvede
ao lugar do xuízo, porque estes testemuñaron
en falso contra ela.

[50]A xente toda volveu deseguida, e os anciáns dixéronlle a el: –Ven, séntate no medio de nós e decláranos o teu parecer, porque
Deus concedeuche o privilexio da ancianidade.

[51]Daniel díxolles: –Separádeos lonxe un
do outro, que os vou interrogar eu.

[52]Logo que estiveron separados un do
outro, chamou a un deles e díxolle: –Avellentado polo tempo e a iniquidade! Agora
volveron sobre ti os pecados que cometías a
miúdo no pasado: [53]dabas sentenzas inxustas
condenando os inocentes e absolvendo os
culpables, sendo que o Señor ten dito: "Non
matarás o inocente nin o xusto". [54]Polo tanto,
se a viches, dime: debaixo de que árbore os
viches abrazados?

Respondeu el: –Debaixo dun lentisco.

[55]Replicou Daniel: –Verdadeiramente mentiches contra a túa propia cabeza, porque o
anxo de Deus, que xa recibiu a sentenza divina, vaite partir polo medio.

[56]Despois de mandar retirar a este, deu
orde de traer o outro, e díxolle: –Raza de Canaán e non de Xudá! A fermosura seduciute
e a paixón perverteu o teu corazón. [57]Así faciades coas fillas de Israel, e elas, por medo,
deitábanse convosco; pero unha filla de Xudá
non tolerou a vosa maldade. [58]Pois logo,
dime: debaixo de que árbore os sorprendiches abrazados?

**13**, 28 A versión de Teodoción di que se celebrou o xuízo na mesma casa de Ioaquim; pero parece máis verosímil que tivera lugar na sinagoga, como din os LXX.

**13**, 34 Estaba mandado ás testemuñas impor as mans sobre a cabeza do acusado (cf Lev **24**, 14). O rito, nesta circunstancia, indica que a responsabilidade pesa sobre o culpable.

**13**, 45 *Suscitou unha santa inspiración nun rapaz*: lit. "suscitou o espírito santo dun rapaz". Trátase probablemente dalgún carisma especial outorgado por Deus a aquel rapaz de especial talento (cf Dn **5**, 12).

**13**, 47 Na mentalidade semítica ser responsable do sangue de alguén equivale a dicir que é responsable desa vida en concreto.

**13**, 48 *Fillos de Israel*: cf nota a **1**, 3.

**13**, 50 O privilexio da ancianidade, ou "as prerrogativas dos anciáns", tales como unha autoridade moral e un prestixio propios dunha persoa madura e asisada.

**13**, 53 Cf Éx **23**, 7.

Respondeu el: –Debaixo dun carballo.
59Replicou Daniel: –Exacto, tamén ti mentiches contra a túa cabeza, pois o anxo de Deus está agardando coa espada para te fender polo medio, e así acabará convosco.
60Entón a asemblea enteira berrou a toda voz bendicindo a Deus, que salva a cantos esperan nel. 61Despois lanzáronse contra os dous vellos, a quen Daniel puxera en evidencia mesmo por boca deles de seren testemuñas falsas. 62Procedendo en conformidade coa Lei de Moisés, aplicáronlles o castigo que eles tiñan previsto contra o seu próximo, e matáronos. Deste xeito salvouse aquel día unha vida inocente. 63Quelcías e mais a súa muller loaron a Deus pola filla, o mesmo ca Ioaquim, o seu marido, e todos os seus parentes, pois non se atopara nela nada vergonzoso. 64Desde aquel día en diante Daniel gañou moito creto entre o pobo.

## IV. BEL E MAIS O DRAGÓN

### Daniel e os sacerdotes de Bel

**14** 1O rei Astiaxes foise xuntar con seus pais, e Ciro, o persa, recibiu o seu reino. 2Daniel convivía co rei, e era o máis honrado de todos os seus amigos. 3Tiñan os babilonios un ídolo chamado Bel; cada día levábanlle medio quintal de fariña peneirada, corenta ovellas e cento trinta litros de viño. 4Tamén o veneraba o rei e ía adoralo cada día, en cambio Daniel adoraba o seu Deus.
5O rei preguntoulle: –Por que non adoras a Bel?
El respondeu: –Porque eu non venero ídolos feitos pola man dos homes, senón o Deus vivo, que creou o ceo e mais a terra e ten poder sobre todo vivente.
6Replicoulle o rei: –Entón, ti non cres que Bel é un deus vivo? Non ves todo o que come e bebe cada día?
7Contestou Daniel sorrindo: –Non te enganes, maxestade, porque este por dentro é de barro e por fóra de bronce, endexamais non comeu nin bebeu.
8O rei, alporizado, chamou aos seus sacerdotes e díxolles: –Se non me dicides quen é o que come este gasto, morreredes; pola contra, se me demostrades que o come Bel, morrerá Daniel por blasfemar contra Bel.
9Daniel díxolle ao rei: –Que se faga conforme dixeches.
10Os sacerdotes de Bel eran setenta, sen contar as mulleres nin os fillos. O rei foi con Daniel ao templo de Bel. 11Os sacerdotes de Bel dixéronlle: –Mira, nós imos saír para fóra. Ti, maxestade, deposita os alimentos, pon o viño despois de mesturalo, pecha a porta e sélaa co teu anel. Se cando volvas mañá cedo descobres que Bel non comeu todo, morreremos nós; en caso contrario, morrerá Daniel, que mentiu contra nós.
12Eles estaban despreocupados, porque fixeran unha entrada secreta por debaixo da mesa, pola que entraban decote e comían as ofrendas. 13En canto tiveron saído aqueles, o rei depositou os alimentos diante de Bel. 14Daniel mandou aos seus criados que trouxesen cinsa e a esparexesen por todo o templo; só estaba presente o rei. Tras saíren, pecharon a porta, selárona co anel do rei e marcharon. 15Pola noite, segundo o seu costume, viñeron os sacerdotes coas súas mulleres e mais os fillos, e comeron e beberon todo.
16O rei madrugou moito, e Daniel foi con el. 17Preguntou o rei: –Están intactos os selos, Daniel?
El respondeu: –Intactos, maxestade.
18Tan pronto como abriu a porta, o rei botoulle unha ollada á mesa e exclamou con voz forte: –Que grande es, Bel! En ti non hai engano!
19Daniel riu e, detendo o rei para que non entrase dentro, díxolle: –Olla o chan e procura descubrir de quen son estas pegadas.
20Repuxo o rei: –Vexo pegadas de homes, de mulleres e de nenos.
21Entón o rei, cheo de furor, mandou prender os sacerdotes, as súas mulleres e os seus fillos. Eles mostráronlle a porta secreta pola que entraban e comían o que había sobre a mesa. 22O rei mandounos matar e a Bel púxoo nas mans de Daniel, quen o desfixo xuntamente co templo.

**14**, 1 O episodio de Bel e mais o dragón son unha forte sátira contra a idolatría. A Biblia ridiculiza adoito a parvada de adorar os deuses de mentira e subliña a súa evidente impotencia (cf Sal **115**, 4ss; **135**, 15ss; Sab **15**; Is **2**, 21; Xer **2**, 11; **10**, 3; Os **8**, 6; Hab **2**, 18).

**14**,1 *Foise xuntar con seus pais*, é dicir, morreu.
**14**, 3 Véxase nota a **4**, 5; cf Is **46**, 1; tamén Xén **50**, 2.
*Medio quintal*: lit. "seis metretas".
**14**, 11 Nos sacrificios aos ídolos o viño mesturábase con mel e outras sustancias.

**Daniel mata o dragón**

[23]Tamén había un dragón enorme, que veneraban os babilonios. [24]O rei díxolle a Daniel: –Non podes dicir que este non é un deus vivo. Así que, adórao.

[25]Replicou Daniel: –Eu adoro o Señor, meu Deus, porque El é o Deus vivo. Pero ti, maxestade, dáme permiso e eu matarei o dragón sen espada e sen caxato.

[26]Contestou o rei: –Estache concedido.

[27]Entón Daniel colleu pez, graxa e mais pelos, coceu todo xunto, fixo unhas bolas e meteullas na boca ao dragón. O dragón comeunas e rebentou. E dixo Daniel: –Mirade o que estades venerando vós.

**Daniel na cova dos leóns**

[28]Sucedeu que cando o souberon os babilonios, puxéronse moi rabiosos, e manifestáronse contra o rei, pois dixeron: –O rei fíxose xudeu; derrubou a Bel, matou o dragón e degolou os sacerdotes.

[29]Foron onda o rei e dixéronlle: –Entréganos a Daniel; se non, matarémoste a ti e mais a túa familia.

[30]O rei, ao ver que o ameazaban gravemente, cedendo ante a necesidade, entregoulles a Daniel. [31]Eles botárono na cova dos leóns, onde pasou seis días. [32]Na cova había sete leóns, cada día botábanlles dous corpos humanos e mais dúas ovellas; pero naquela ocasión non se lles deu nada, para que devorasen a Daniel. [33]En Xudea vivía o profeta Habacuc; acababa de preparar un cocido e de esmiuzar pan nun prato, e marchaba para o agro a llelo levar aos segadores. [34]Pero o anxo do Señor díxolle a Habacuc: –Leva esa comida que tes, a Babilonia, a Daniel, que está na cova dos leóns.

[35]Habacuc respondeu: –Señor, nunca vin Babilonia e non coñezo a cova.

[36]Entón o anxo do Señor colleuno pola cabeza e, levándoo agarrado polo pelo da cabeza coa forza do seu espírito, trasladouno a Babilonia, en fronte da cova.

[37]Habacuc gritou: –Daniel, Daniel, toma a comida que Deus che manda.

[38]Respondeu Daniel: –Meu Deus, lembrácheste de min! Ti nunca desamparaches aos que te aman.

[39]Daniel ergueuse e púxose a comer. E o anxo de Deus volveu levar decontado a Habacuc ao seu lugar. [40]Ao sétimo día veu o rei para chorar a Daniel. Aproximouse á cova e ollou cara a dentro, e viu a Daniel sentado. [41]Entón, berrando con toda a voz, dixo: –Que grande es, Señor, Deus de Daniel, fóra de Ti non hai outro!

[42]Fíxoo sacar, e aos causantes do atentado botounos na cova, e nun instante foron devorados na súa presenza.

**14**, 32 *Corpos humanos*: lit. “corpos”. O sentido da palabra aparece concretado na versión dos LXX, que di: “dous corpos de condenados a morte”.

**14**, 33 Os LXX omiten a palabra “profeta”, que Teodoción aplica a Habacuc. Realmente non se trata dunha referencia ao profeta menor que leva este nome, pois este é moi anterior (s. VI a. C.).

# INTRODUCIÓN A OSEAS

**1. A personalidade de Oseas e a súa circunstancia histórica**

*O editor da obra ofrécenos uns datos cronolóxicos (**1**,1) sorprendentes: presenta ao profeta actuando durante os reinados de Ozías (767-740), Iotam (740-735), Acaz (735-716) e Ezequías (716-687), mentres que do reino do Norte non nos presenta máis ca un rei (Ieroboam II: 781-753), prescindindo da serie de seis reis que seguen ata a desaparición do reino de Israel (cf 2 Re **15**, 8-31; **17**, 1-6). Para o profeta este rápido sucederse de reis en Israel, froito de rexicidios e de divisións entre as tribos, atenta contra a súa concepción teolóxica da Alianza (cf **11**, 1), polo que prefire non mencionar os devanditos reis.*

*Sen dúbida que as rivalidades de Efraím, co resto das tribos agravadas polas matanzas de Tapúah (Efraím), e a falta de unidade esixida pola alianza, foi a principal circunstancia histórica do período de actividade de Oseas, que debeu abarcar desde o ano 750 ata o ano 722. Oseas coñeceu a caída de Samaria, coa que tanto ameazou e que tratou de impedir con todos os seus esforzos. Este feito non deixou moitos sinais na súa obra, que é unha constante chamada ao cumprimento da Alianza, entendida como fidelidade ao Deus da revelación histórica, e tamén como un sólido vínculo entre as tribos.*

*Sobre as lacras relixiosas, morais e sociais do primeiro período de Oseas, véxase a Introdución a Amós. O sincretismo relixioso mestura de iavismo e de culto aos deuses cananeos, nos santuarios nacionais israelitas de Dan e Betel, é o principal problema relixioso que implicará a Oseas tanto a nivel persoal coma no seu matrimonio. Por orde de Deus vai casar con Gomer, unha rapaza iniciada na sexualidade matrimonial cun ritual propio do culto a Baal (como era costume en Siria), pois pensaba que así o seu poder xenético sería bendicido mediante a unión sagrada cun sacerdote, instrumento da divindade, antes de unirse ao seu marido Oseas. Este recibe de Deus a orde de aceptala como esposa e de xerar dela tres fillos, aos que imporá nomes simbólicos, que expresan a denuncia contra as infidelidades do pobo: o primeiro nome –"Iezrael"– será unha protesta contra os rexicidios e cambios dinásticos, que el remonta xa ao rexicidio de Iehú, un home da mesma dinastía de Ieroboam II. O segundo será unha meniña, á que lle porá o nome de "Non-compadecida" como sinal da retirada do amor e compaixón de Deus da casa real. O terceiro recibe o nome de "Non-Meu-Pobo", que é expresión do rexeitamento do pobo na súa xeneralidade, como sinal constante da ruptura da alianza entre Deus e o seu pobo. Esta situación acéptaa por orde divina, e sobre ela fai unha teoloxía de denuncia, de chamada á conversión e de promesa divina de restauración, que máis tarde expresará mudándolles os nomes aos seus fillos.*

*Pero nese momento Oseas, movido polos celos, rexeita a súa muller, divorciándose dela (**2**, 4). Motivo tíñao máis ca suficiente, pois non era virxe cando casou con el. E agora ela ten un amigo é dicir, volve ao culto idolátrico, e adultera con el. Aínda así, o profeta recibe a orde divina de volver a querela (**3**, 1). O asunto lévao Oseas aos tribunais de Xequem, pois está contra Dt **24**, 1-4. Impónselle unha sanción a Oseas asimilando o caso ao da calumnia contra a esposa (Dt **22**, 13-21), por considerar que Gomer está sendo un xoguete nas mans de Oseas (polos celos e polas ordes que recibe de Deus), ata chegar a ser vítima dunha difamación pública. Despois de todo isto, volven a convivir e a quererse, mostrándose ela como unha muller fiel.*

*Detrás desta escura biografía do profeta, escóndense uns celos e un amor profundo pola súa muller, como o deixa entrever **2**, 8-9. A grande teoloxía de Oseas está vinculada con este drama familiar: Deus ama o pobo como un marido celoso ama a súa muller infiel, e fai o indicible por recuperala, impedíndolles o acceso aos seus amantes (os deuses cananeos do culto dos santuarios de Betel e Guilgal). Oseas, natural probablemente da tribo de Efraím (onde é frecuente o seu nome e onde está situado o santuario de Xequem), herdou da teoloxía elohista e xequemita o sentido da alianza e da vida relixiosa como resposta a Deus ao longo da historia (cf Introd. ao Dt). Por isto une os dous temas, que experimenta reflectidos na súa amarga vida: Deus ama como el, disposto a perdoar e facendo o indicible por ser correspondido con fidelidade. Deste xeito, a*

*teoloxía de Oseas aproxímase aos cumes da historia da revelación neotestamentaria (os escritos paulinos e xoánicos), ao mesmo tempo que enlaza coa máis pura tradición teolóxica de Israel (a reflectida no Dt).*

## 2. Oseas e o Deuteronomio

*En confirmación da hipótese proposta na introdución ao Dt e renovada aquí, imos expoñer algunhas coincidencias temáticas e metodolóxicas entre Os e o Dt.*

*Antes de nada, temos que referirnos ás coincidencias metodolóxicas, e sobre todo ao xeito de facer teoloxía da historia. Para o autor deuteronómico, a historia do Éxodo segue condicionando a fe e a moral do pobo fiel dos séculos IX e VIII: Moisés segue sendo quen exhorta o pobo á fidelidade á alianza que se vai renovar (cf discursos e moitos preceptos do Dt fundaméntanse con feitos do Éx); Oseas continúa vendo a liberación da escravitude de Exipto como algo pasado (**11**, 1) e como algo que vai revivir na deportación do pobo polos asirios (**8**, 13; **9**, 3; **11**, 5); o deserto, pola súa parte, vén ser unha categoría teolóxica de amor esponsalicio de Deus co seu pobo fiel (**2**, 16; **12**, 10...). A rivalidade entre a tribo de Efraím e Samaria (que representa ao resto das tribos), teoloxízase coa figura de Xacob, que segue presente e vivo cos seus pecados nos seus fillos do século VIII (**12**, 3. 13).*

*Esta mesma constatación metodolóxica reflíctese no dito de "coñecer o Señor", ou "coñecemento do Señor". Estas expresións parece que aluden aos beneficios de Deus na Historia da Salvación (Éxodo), que o mesmo Deus renovará no pobo, se lle é fiel (cf **4**, 1; **6**, 6). Certo que o amor de Deus polo seu pobo non é algo limitado ao Éxodo, senón que esta Historia salvífica segue actualizándose no presente do século VIII, e interpretándose á luz do Éxodo e da Alianza. Estas mesmas consideracións teolóxicas están presentes nos primeiros discursos do Dt.*

*A parte desta metodoloxía teolóxica ofrécense ideas dignas de terse en conta, entre as que destacan a consideración de Moisés como profeta (**12**, 14 = Dt **18**, 18), o emprego do título divino "o Deus vivente" (**2**, 1 = Dt **5**, 6; **14**, 1; **32**, 19), e a importancia que nas súas obras ten a renovación da alianza-matrimonio (**2**, 16-25; **3**, 1- 3.9-13...).*

*Merece especial consideración a referencia constante, propia do Dt, "ao lugar que o Señor escolle para pór alí o seu Nome", en paralelo coa crítica negativa de Oseas aos santuarios de Israel (menos ao de Xequem, ao que defende: cf **6**, 8ss).*

## 3. Estrutura do libro

3.1. *Simbolismo do matrimonio e familia de Oseas (**1**, 2-**3**, 5)*

3.2. *Os preitos do Señor (**4**, 1-**6**, 13)*

3.3. *Xuízo sobre a historia contemporánea (**7**, 1-**10**, 15)*

3.4. *Reflexión teolóxica sobre a historia (**11**, 1-**12**, 15)*

3.5. *Chamada á conversión e á penitencia (**13**, 1-**14**, 10).*

# OSEAS

**1** [1]Palabra do Señor que lle veu a Oseas, fillo de Beerí, durante os reinados de Ozías, Iotam, Acaz e Ezequías, reis de Xudá, e durante o reinado de Ieroboam, fillo de Ioax, rei de Israel.

## I. SIMBOLISMO DO MATRIMONIO E FAMILIA DE OSEAS

### Datos históricos e o seu simbolismo

[2]Comezo da palabra do Señor a Oseas.

Díxolle o Señor a Oseas: –Vai, escolle para ti unha muller dada á prostitución, e xera fillos de prostitución, pois o país estase prostituíndo, deixando de ir tras o Señor.

[3]Entón foi e colleu a Gomer, filla de Diblaím, que concibiu, e deulle a luz un fillo.

[4]Daquela, díxolle o Señor: –Ponlle de nome Iezrael, porque dentro de pouco pedireille contas á casa de Iehú do sangue vertido en Iezrael e porei fin ao seu reinado na casa de Israel. [5]Sucederá naquel día, no que romperei o arco de Israel, no val de Iezrael.

[6]Volveu ela a concibir, e deu a luz unha meniña, e o Señor díxolle a el: –Ponlle de nome Non-Compadecida, pois non volverei seguir compadecéndome da casa de Israel, que os segundos son oráculos salvíficos (**2**, 1-3; **2**, 16-25; **3**, 3ss).

**1**, *Oseas*. Conservamos a grafía tradicional, aínda que a transcrición literal do nome hebreo debería ser "Hoxea". O xeito de comezar o libro é usual nos escritos proféticos, e ten a finalidade de presentar os oráculos como auténticos e relativos a un momento concreto da historia, aínda que, por ser revelación divina, teñan valor para todos os tempos. Na lista faltan os últimos reis de Israel (cf Introd. 1).

**1**, 2-**3**, 5 As "accións simbólicas" son frecuentes nos profetas como unha forma de proclamar a mensaxe con feitos rechamantes, ao mesmo tempo que comezan a realizarse os seus contidos con feitos que os proclaman (cf Is **8**, 1ss; **20**, 2ss; Xer **27**, 2ss; Ez **4**, 1ss; **12**, 1ss). O feito simbólico de Oseas ten especial importancia por ser un simbolismo da propia vida (cf algo semellante en Xer **16**, 1-9).

Este feito simbólico, lonxe de ser unha arguicia inventada polo profeta, ten toda a realidade dunha traxedia. A orde divina de casar cunha muller dada á prostitución sacra, e o conseguinte namoramento dela, a loita de celos, o divorcio, a separación, os novos celos e amores, o adulterio por parte dela, a reconstrución gravosa do matrimonio e da fidelidade futura..., son símbolos da traxedia de Deus no plan divino de salvación do seu pobo.

A historia de Oseas está contada partindo do simbolismo establecido por Deus, que o mesmo profeta proclamou e os seus discípulos recolleron. Por outra banda, a revelación do misterio de Deus revístese dunhas dimensións humanas moi fondas, e incluso atrevidas: un profeta que denuncia unha relixión que sacraliza o sexual, e se atreve a expresar, mediante símbolos humanos sexuais e de filiación pouco ortodoxa, a actitude de Deus co pobo e do pobo con Deus. Con todo, en ningunha outra parte do A. T. se chegou a descubrir o dinamismo e profundidade do amor de Deus polo seu pobo como nestes tres cc. de Oseas: Deus, que por amor e celos de amor busca e atrae ao seu pobo infiel. Continúan esta tradición Is, Xer, Ez, o II Is, e o III Is (cf Is **1**, 21; Xer **2**, 2; **3**, 1. 6-12; Ez **16**, 23; cf Is **50**, 1; **54**, 6-7; Is **62**, 4-5). O mesmo N. T. segue esta tradición nas vodas mesiánicas (cf Mt, **22**, 1-14; **25**, 1-13) e na imaxe de Xesús-Esposo (cf Mt **9**, 15; Xn **3**, 29; 1 Cor **6**, 15-17; 2 Cor **11**, 2; Ef **5**, 25-33; Ap **21**, 2).

Esta sección está formada por tres grupos de dous oráculos cada un. Os primeiros de cada grupo son de acusación e anuncio de castigo (**1**, 2-8; **2**, 4-15; **3**, 1-2), mentres

**1**, 2 *Dada á prostitución*. Non é exactamente unha prostituta. Refírese á prostitución sagrada como elemento característico do culto idolátrico, ou a mesma idolatría. A prostituta sagrada en Dt **23**, 18 e en Os **4**, 14 dise "qedoxah"; e ao comeren elas do ofrendado aos sacerdotes, fai pensar que son oficiais dos templos, pero este non é o caso. Existía en Babilonia, e probablemente en Siria, o rito da ofrenda á deusa Ixtar da virxindade das mozas núbiles: un rito no que a divindade masculina (sacerdote do santuario de Baal, o Deus da vida), abría o seo maternal da núbil baixo a bendición da deusa nai. Este parece ser o caso de Gomer, símbolo e realidade dun pobo dado á idolatría. Os fillos de Gomer e de Oseas serían os fillos da prostitución, no sentido de que o poder xerador da nai era coma un don ou bendición de Axerah (= Ixtar). Nun sentido real, non deberían ser fillos de prostitución, xa que Oseas imponlles o nome, cousa propia do pai. Nos vv. 2. 4. 7..., que hai que entender na devandita bivalencia muller-pobo, podemos ver a tensión entre a relixión oficial coa prostitución sagrada (**4**, 13-14), e o culto puramente iavista do santuario de Xequem, que Gomer non acepta. Isto aumenta os celos e dá base para falar de prostitución, adulterio e divorcio.

**1**, 4 *Iezrael* (heb. Iizreel): "Deus sementa", "Deus recolle". Nome das rexións onde os reis de Israel teñen un pazo, no que Iehú matou a Iezabel, muller de Ahab e aos seus fillos (cf 2 Re **9**, 15-**10**, 14). O xuízo de Oseas sobre os feitos de Iehú é distinto en 2 Re **9**, 15ss. A casa de Iehú acaba co asasinato do fillo de Ieroboam II, Zacarías, no ano 734, data na que comezan unha serie de magnicidios e cambios dinásticos.

**1**, 5 *No día aquel*...: fórmula de futuro, que introduce un oráculo frecuentemente salvífico, pero que aquí é un anuncio de desastre. Tamén se usa no N. T. (Mt **7**, 22; Mc **2**, 20; Lc **6**, 23; Xn **14**, 20; 2 Tim **1**, 18...). O arco é símbolo do poder (1 Sam **2**, 4; Xob **29**, 20). O val de Iezrael é lugar tradicional de guerras, especialmente a vila de Meguido, por onde pasaba o camiño de Mesopotamia a Exipto (cf Xuí **4**, 12-16; 1 Sam **28**, 4; 2 Re **23**, 29). O devandito val era, por iso, símbolo do combate escatolóxico (Zac **12**, 11; Ap **16**, 16).

**1**, 6 A *meniña*, con nome feminino, é símbolo do pobo, representado por unha filla, unha virxe.

senón que lles retirarei completamente (a
miña compaixón). [7](Pero compadecereime
da casa de Xudá e farei que se salve grazas
ao Señor, seu Deus, e non grazas ao arco, nin
grazas á espada, nin grazas á guerra, aos ca-
balos e cabaleiros).
[8]Cando ela destetou a Non-Compadecida,
concibiu e deu a luz un fillo. [9]Entón o Señor
díxolle: –Ponlle de nome Non-meu-pobo,
porque vós non sodes o meu pobo, e eu son
Non-estou-aquí-para-vós.

### A salvación á fin dos tempos

**2** [1]O número dos fillos de Israel será coma
a area do mar, que non se pode medir nin
contar. E sucederá que no santuario no que
se lles dicía: "Vós non sodes o meu pobo";
diráselles: "Fillos do Deus vivente". [2]Entón
xuntaranse os fillos de Xudá cos fillos de Is-
rael, e constituirán para si un xefe único, e
rexurdirán do mundo da morte. Velaí o gran-
de que será o día de Iezrael! [3]Dicídelles aos
vosos irmáns: "Meu-pobo", e ás vosas irmás:
"Compadecida".

### Proceso xudicial contra Israel, a esposa adúltera

[4]Póndelle preito á vosa nai, póndello;
pois nin ela é a miña muller,
nin eu son o seu marido.
Que retire da súa cara
os signos de prostituta
e de entre os seus peitos
as pinturas de adúltera;
[5]se non, deixareina en coiros,
poreina coma o día en que naceu,
volvereina coma deserto,
fareina un pardiñeiro,
e matareina de sede.
[6]Si, non terei compaixón dos seus fillos,
pois son fillos de prostitución.
[7]Si, súa nai prostituíuse,
a que os xerou cometeu desvergonzas.
Dicía: "Voume tras os meus amantes,
que me dan o meu pan e a miña auga,
a miña la e o meu liño,
o meu aceite e o meu viño".
[8]Por isto: velaí, voulle pór sebe de silvas
ao seu camiño,
vou atrancar o seu muro,
para que non atope as súas corredoiras.
[9]Correrá tras os seus amantes,
pero non os atopará,
buscaraos, e non os encontrará.
Entón dirá:
"Volvo ao meu primeiro marido,
pois era máis feliz antes ca agora".
[10]Ela non sabía que eu era quen lle daba
o trigo e o mosto e o aceite
e dáballe prata en abundancia,
e ouro que empregaba para Baal.
[11]Por isto volverei, e quitareille
o meu trigo ao seu tempo,
e o meu mosto no seu momento,
collerei a miña la e o meu liño,
que habían de tapar a súa nudez.

**1**, 7 Glosa que actualiza o texto anterior referido a Xudá, pero con sentido positivo. Sen dúbida é obra dos discípulos de Oseas, refuxiados en Xudá.
**1**, 9 *Non-meu-pobo*: é a negación da Alianza, e conseguintemente o segundo membro ten que ser a mesma negación vista desde a perspectiva do pobo: *Deus non está para eles* = non ten compromiso de auxilio para o seu pobo. Outros traducen "nin eu existo para vós" ou "nin eu son o que son para vós". Estas solucións esquecen o contexto de alianza.
**2**, 1 *Santuario*. Os diversos comentarios afirman o valor local do vocábulo hebreo, pero non dan pista ningunha para recoñecer o lugar onde se lles dicía "non sodes o meu pobo". Parece que o tal lugar non pode ser outro ca Xequem (cf o uso de "Deus vivente" en Dt **5**, 6; **14**, 1; **32**, 19).
**2**, 2 A xuntanza dos dous reinos (cf Dt **33**, 7) a impulsos do "Deus que sementa" (= Iizreel), do Deus vivente, hase de entender como o rexurdimento do mundo subterráneo, do mundo dos mortos ("eres" significa a terra, o mundo, o país, a capital do país; pero aquí equivale ao xeol, ao mundo dos mortos).
**2**, 4ss Neste proceso ("rib") contra a esposa (Israel), faltan as testemuñas normais da alianza, que neste intre se revisa, e que adoitan ser os ceos e mais a terra. Aquí o preito diríxese contra a nai-pobo, e chámanse como testemuñas os fillos, para separalos dela. Aínda que no "rib" hai acusación e anuncios de castigo, todo iso vai dirixido á conversión, e pode o profeta concluír, como neste caso, con oráculos salvíficos (**2**, 18-19), ou condenatorios (**4**, 1-19).
**2**, 4-5 As fórmulas "ela non é a miña muller" e "eu non son o seu marido", son nos textos xurídicos de Nuzi (Asiria) fórmulas de divorcio; o mesmo que o quitarlle os vestidos e botala da casa é unha forma xurídica de divorcio (cf Is **47**, 2-3; Xer **13**, 22; Ez **16**, 37-39; Ap **17**, 16). Despois de referirse á esposa, métese coa terra, que, con tantas riquezas, se volveu infiel (cf Dt **8**, 11ss; Xer **2**, 6). As prostitutas, sagradas ou non, usaban bandas na fronte (Xer **42**), aneis e colares (cf v. 15; Xén **35**, 4; Éx **32**, 2).
**2**, 7 "Irse detrás dos amantes", é linguaxe propia do mundo da prostitución e idolatría, o mesmo ca "irse tras de", "camiñar tras de" é fórmula relativa ao comportamento moral. Os amantes son aquí Baal e Axerah (deuses masculino e feminino da vida, da chuvia, da vexetación e da fecundidade).
**2**, 8 Nin o profeta nin Deus se resignan coa situación de divorcio: buscan impedir que ela atope os lugares de cita cos amantes, para que recapacite. *O seu camiño*: así os LXX e as versións Sirias; "o teu camiño": di o texto hebreo.
**2**, 9 *Non os atopará*: non encontrará a bendición de Baal nas boas colleitas. Atopar a Deus é experimentar a súa acción nos beneficios que del se reciben; por isto, a decisión de fe faise depender da felicidade que un experimenta.
**2**, 10 Contrapón os dons de Iavé co emprego que a esposa-pobo lles dá no culto a Baal.

12 Pero agora vou destapar
as súas vergonzas
aos ollos dos seus amantes,
e ninguén ma quitará das miñas mans,
13 e farei cesar todas as súas ledicias:
as súas festas, os seus novilunios
e os seus sábados,
e todas as súas asembleas de festa.
14 Tamén arrasarei as súas videiras
e as súas figueiras, das que ela dicía:
"Elas son a miña paga,
a que me deron os meus amantes":
convertereinas nunha matogueira
que comerán os animais salvaxes.
15 Tamén lle pedirei contas
polos días de festa en honor dos baais
cando lles facía ofrendas de incenso
e se adornaba cos seus aneis
e coas súas alfaias
e ía tras os seus amantes
mentres se esquecía de min
–é o Señor quen fala.

## Fin do proceso: Anuncios de salvación

16 Por isto, velaí, eu mesmo a vou seducir:
levareina ao deserto
e falareille ao seu corazón,
17 e desde alí dareille as súas viñas,
e convertereille o val da Aflición
en porta da Esperanza,
e alí hame responder
coma nos días da súa mocidade,
coma o día en que subiu de Exipto.
18 E o día aquel –é o Señor quen fala–
chamarasme "Meu marido",
e non me volverás chamar
"Baal-Meu-Dono"
19 Eu retirarei da súa boca
os nomes dos baais,
que non volverán ser nomeados
cos seus nomes.
20 No día aquel farei
unha alianza en favor deles,
cos animais salvaxes,
cos paxaros do ceo
e cos réptiles do chan:
romperei o arco e a espada
e mais a guerra, arredándoos do país,
e fareinos durmir na tranquilidade.
21 Casarei contigo para sempre.
Casarei contigo a prezo
de xustiza e de dereito,
de bondade e de misericordia.
22 Casarei contigo porque me fío de ti
e entón recoñecerás o Señor.
23 O día aquel –é o Señor quen fala–

**2**, 12 *As vergonzas* que Deus destapa son a falta dos bens que lle tiña que dar. A expresión "ninguén ma quitará das miñas mans", ten sentido de castigo inexorable (cf Xob **10**, 7; **19**, 21; **38**, 7), ou ben de protección (Xn **10**, 28).
**2**, 13 Por falta de bens materiais das colleitas, o pobo non pode celebrar as súas festas de romaría.
**2**, 14 A videira e a figueira son os símbolos da vida sedentaria segura e tranquila (1 Re **5**, 5; Miq **4**, 4; Zac **3**, 10); pero aquí vólvense en paga de prostituta (cf Dt **23**, 19), polo que o Señor as devasta, rematando así coa paga dos amantes.
**2**, 16 *Seducir*. A mesma raíz úsase para significar a violación ou engano dunha mociña, en Éx **22**, 12; Xuí **14**, 15; **16**, 5. A expresión falar ao corazón dunha muller, úsase como diálogo amoroso e íntimo (Xuí **19**, 3; Rut **2**, 13; Xer **34**, 3). *O deserto* ou descampado, deshabitado, era o lugar lóxico das seducións, pero aquí equivale a revivir a experiencia da Pascua, do Horeb, dos coidados e amores de Deus; por isto é o lugar da renovación da Alianza e relembra o tempo de fidelidade de moza namorada (**11**, 1-14; **12**, 10; Xer **2**, 2-3; Am **5**, 21).
**2**, 17 *Desde alí*: alude ao deserto, no sentido da renovación do amor entre os dous que conclúen a Alianza. A renovación da Alianza supón a renovación do don da terra (cf Dt **31**, 9-13). A liturxia da renovación da Alianza, en relación con Dt **15**, 1-2, implica o perdón das débedas e a devolución das terras que cambiaran de dono. O val da Aflición (= "val de Acor", cf Xos **7**, 24-26 e nota) xa non terá resonancias lúgubres, senón que será digno de esperanza.
**2**, 18 *Marido*. Subliña aquí o sentido de nivelación coa esposa (cf Xer **2**, 23), mentres que Baal (= Dono), indica a superioridade do home, señor, e dono da esposa (Xén **20**, 3; Éx **21**, 3; Dt **24**, 4) A nova situación da alianza será niveladora, e non escravizante como era a idolátrica con Baal. O amor (Xer **31**, 31-33) busca a igualdade no plano relixioso e familiar, mentres que o interese económico (motivo da idolatría) escraviza.
**2**, 19 Alude sen dúbida ao costume dos nomes teofóricos de persoas, compostos do nome de Baal, como Exbaal (= home de Baal) de 1 Cro **8**, 33; **9**, 39. O nome teofórico implica a consagración á divindade.
**2**, 20 Este pacto cos animais salvaxes e a supresión das armas é característico dos textos escatolóxicos (Is **2**, 4; **11**, 6-8; **65**, 25; Ez **34**, 25. 28; Zac **9**, 10).
**2**, 21s *Casarei*: o vocábulo designa o feito de contraer matrimonio, entregándolle o dote ("mohar") ao pai da noiva (cf 2 Sam **3**, 14). *A prezo de*, equivale ao "mohar". Os substantivos que seguen expresan as actitudes de Deus na conclusión da Alianza, a súa fidelidade ás promesas, o seu amor gratuíto co débil ("hésed"), a compaixón emotiva e a indulxencia co culpable (Sal **51**, 3). Aínda que as actitudes de Deus son tales, esixen a correspondencia do pobo (a esposa).
**2**, 22 "Recoñecer o Señor" significa experimentar os seus beneficios no futuro (v. 23), porque se fía un del, ao coñecer os seus beneficios do pasado (cf reflexión teolóxica sobre a historia, nos discursos do Dt).
**2**, 23-25 Neste último parágrafo sobre o día escatolóxico ("o día aquel"), dáse como no primeiro unha clarificación anti-idolátrica, xa que todo el está construído arredor do verbo "anah" (= escoitar, responder), que fai sentir o nome da deusa cananea "Anat", deusa da escoita e da resposta ás súplicas. Esta semellanza pode explicar a longa lista de intermediarios -Iavé, o ceo, a terra, o trigo, o mosto e o aceite, e Iezrael-, que debían figurar no ritual máxico de fertilidade e fecundidade. *Iezrael* é neste verso o val fértil de Israel; pero no seguinte vaise clarificar segundo o seu sentido etimolóxico (= Deus sementa, sementeira de Deus).

eu escoitarei o ceo,
o ceo escoitará a terra,
[24]e a terra escoitará o trigo,
o mosto e o aceite,
e eles escoitarán a Iezrael.
[25]Eu sementareino a el
–"a sementeira de Deus"–
para min no país,
e compadecereime
da "Non-Compadecida",
e direille ao "Non-meu-pobo":
–Ti es o Meu-pobo.
E el responderame: –Meu-Deus.

**A súa reconciliación onerosa, símbolo do amor do Señor**

**3** [1]Díxome o Señor: –Volve outra vez, e ama unha muller que ten un querido e comete adulterio. Así é o amor do Señor aos fillos de Israel, mentres eles se están volvendo aos deuses alleos, deléitanse ofrendando tortas de uvas.

[2]Entón compreina por quince moedas de prata e por un *hómer* e máis un *létek* de cebada [3]e díxenlle: –Durante moitos días vivirás séndome fiel, non te prostituirás nin serás doutro home, e tamén eu mandarei en ti. [4]Por moitos días vivirán os fillos de Israel sen rei e sen príncipe, sen sacrificios e sen estelas, sen *efod* nin *terafim*. [5]Despois disto volverán os fillos de Israel, a buscar o Señor, o seu Deus, e a David, o seu rei, e volveranse tremendo de ledicia cara ao Señor e cara aos seus bens ao final dos días.

## II. OS PREITOS DO SEÑOR

**Contra os que mandan no país**

**4** [1]Escoitade a palabra do Señor,
fillos de Israel.
O Señor ten un preito
cos que mandan no país,
pois non hai fidelidade nin amor
nin coñecemento de Deus no país.
[2]Os perxurios, a mentira, o asasinato,
o roubo e o adulterio
están difundíndose,
e imaxes de ídolos están tropezando
con imaxes de ídolos.
[3]Por isto reseca o país e morre de sede
todo o que vive nel,
o mesmo os animais salvaxes
ca os paxaros do ceo,
e ata os peixes do mar desaparecen.

**Contra os sacerdotes e profetas**

[4]Certo, con lume sentenza Deus;
si, Deus castiga con lume;
pero contigo precisamente

**3**, 1-2 A explicación deste feito histórico á parte do valor simbólico, consiste en que o tribunal de Xequem lle impón a Oseas a obriga de recoller a súa muller (segundo a lei de Dt **22**, 13-21) despois de divorciarse dela. O querido, sería Baal, ou Iavé-Baal; a redución da multa, de 100 moedas de prata a 15 máis un *hómer* (= 450 litros) e un *létek* (= 225 l) de cebada, obedecería ao feito de que o costume indicado na nota a **1**, 2 non se podía invocar como caso concreto de aplicación da lei de Dt **22**, 13ss, aínda que fose un atenuante. Outros autores pensan que se trata do valor do rescate dunha serva, tal como se establece en Éx **21**, 32 e Lev **27**, 4.
**3**, 1 *Que ten un querido*: lit. "que ama" (así di o texto dos LXX e a Vulgata); "amada" (segundo o texto hebreo).
**3**, 4 O sentido da frase é que o pobo será de tal xeito fiel ao Señor, que non precisará xa dos signos da presenza e da acción do Señor. Outros autores ven nesta frase un sentido de castigo polas infidelidades a Deus no culto; mais este valor está fóra da lóxica interna propia dunha acción simbólica de fidelidade matrimonial. O *efod* e os *terafim* eran instrumentos para consultar a Deus e para coñecer a resposta de Deus sobre o futuro.
**3**, 5 Esta frase é consecuencia dunha relectura do texto anterior, feita polos discípulos de Oseas despois da experiencia desastrosa da caída de Samaria. Neste momento entendeuse o v. 4 como alusivo á deportación, e déuselle a esta un valor purificador previo á definitiva intervención salvífica de Deus.
**4**, 1ss Máis que de oráculos de xuízo condenatorio, trátase de preitos, ou procesos ("rib") coa conclusión condenatoria, pero que non teñen aínda a altura técnica e unha estrutura tan marcada como no s. VI, durante o exilio.
**4**, 1 *Cos que mandan*. Poderíase traducir "cos que viven no país", pois o verbo "iaxab" significa morar, vivir, sentarse no trono, mandar. Polo contexto que segue, hai que traducir os que mandan, xa que é aos dirixentes a quen se refire toda a sección: ao pobo máis ben se lle desculpa o seu pecado, en boa parte irresponsable (cf vv. 13-14). A acusación abrangue sobre todo os aspectos que o pobo de Deus debía coidar, como a fidelidade e a intimidade con Deus e o bo comportamento respecto dos demais. Pero a súa actitude é a contraria da que debía ter (cf **2**, 21-22).
**4**, 2 Estes catálogos de pecados debían ser parte da ensinanza impartida no santuario de Xequem.
**4**, 3 En vez dunha prosperidade de vexetación e da vida material (cf **2**, 23-24), preséntase unha situación de seca e de morte como signo de castigo ou como castigo real.
**4**, 4 *Sacerdote* equivale aquí á corporación de sacerdotes dos templos oficiais, non preocupados polas tradicións iavistas, senón máis ben polas paganizantes.

é o meu preito, sacerdote.
5 Tropezarás de día,
e contigo tamén tropezará
o profeta de noite;
si, reducireinos poderosamente
ao silencio;
certo, 6 o meu pobo será reducido
ao silencio por falta de coñecemento.
Xa que refugaches o coñecemento
de seres sacerdote para min;
ti esqueciches a lei do teu Deus:
así tamén eu me esquecerei dos teus fillos.
7 Canto máis ricos son,
máis pecaron contra min.
Cambiarei a súa gloria pola ignominia.
8 Aliméntanse do pecado do meu pobo.
abren a gorxa desexando as súas culpas.
9 Sucederalle ao pobo
o mesmo ca aos sacerdotes:
pedireille contas do seu comportamento
e farei volver contra el as súas obras:
10 comerán e non se fartarán;
fornicarán, e non se saciarán,
porque abandonaron o Señor,
para venerar a prostitución.
11 O viño e mais o mosto
quítanlle o xuízo 12 ao meu pobo,
que consulta a unha árbore,
infórmao unha póla de árbore,
pois un espírito de prostitución
descarréiraos,
e fornican abandonando o seu Deus.
13 Sacrifican no cume das montañas
e sobre os outeiros ofrendan incenso.
Debaixo do carballo,
do amieiro e do terebinto,
–que agradable é a súa sombra!–
daranse á prostitución as vosas fillas
e as vosas noras cometerán adulterio.
14 Non lles pedirei contas
ás vosas fillas por se prostituíren
nin ás vosas noras por se daren
ao adulterio;
pois os mesmos sacerdotes van
á parte coas prostitutas,
comparten os banquetes sacrificiais
coas prostitutas sagradas;
por isto o pobo, que non entende,
vai á ruína.
15 Aínda que ti, Israel, es unha prostituta,
que non se volva culpable Xudá.
Si, non vaiades a Guilgal,
non subades a Bet-Aven,
nin xuredes alí: "Vive o Señor".
16 Se Israel escorna coma unha xovenca,
que escorne;
agora o Señor vainos deixar pacer
coma os carneiros na chaira do xeol.
17 Efraím está asociado aos ídolos,
el transmite en herdanza 18 a apostasía
dos que beben no templo;
dáse de cheo á prostitución, a fornicar:
aman as vergonzas do seu protector!
19 Un vendaval envólveos nas súas ás,
e así avergónzanse dos seus sacrificios.

### Contra os sacerdotes e os dirixentes políticos

**5** 1 Escoitade isto, sacerdotes;
prestade atención, os da casa de Israel;
oíde, os da casa do rei,
pois a sentenza é para vós,
xa que fostes unha trampa en Mispah,
e unha rede tendida no Tabor.

**4**, 5 O tropezar o profeta de noite é un indicativo dunha das formas máis habituais da recepción da palabra: a visión nocturna, o soño.
"Reducir ao silencio" significa privar da actividade propia a estes profetas e sacerdotes. O pecado profesional de non ofrecer o coñecemento de Deus é a causa de seren rexeitados eles e mais a súa descendencia.
**4**, 7 A súa gloria é a adoración de Iavé, ou o mesmo Iavé, mentres que a ignominia son os baais e o seu culto.
**4**, 8 Os sacerdotes recibían parte de certas ofrendas sacrificiais (Lev **6**, 19-22; **7**, 7), e por isto alimentábanse do froito dos pecados idolátricos do pobo. *Abren a gorxa desexando*: lit. "levantan a gorxa" (heb. "néfex"), raíz do apetito e do degaro.
**4**, 10-12 Estes vv. mostran o castigo nos mesmos feitos idolátricos que ofenden a Deus: os banquetes sacrificiais con bo viño, prostitución sagrada, consultas aos ídolos, e adiviñación polo movemento das follas das árbores ou nos bosques sagrados (v. 13 e 2 Sam **5**, 24). No v. 12, a prostitución ten dobre sentido: o ordinario e mais o de ruptura da alianza con Iavé.
**4**, 14 *Prostitutas sagradas*: o vocábulo hebreo indica vínculo ou consagración permanente destas mulleres ao culto da fertilidade de Baal e Axerah. Todo o v. mostra unha propensión a atenuar a culpabilidade, por mor do mal exemplo.
**4**, 15 *Guilgal* era o santuario da zona de Iericó (cf Xos **5**, 2-9); *Bet-Aven* ("casa ou templo de iniquidade") é unha paronomasia despectiva de Betel ("casa ou templo de Deus"). O xuramento por Iavé era un acto de culto iavístico lícito; pero, no ambiente destes santuarios, resulta sincretista e pagán.
**4**, 16 A imaxe da "xovenca que escorna" ten a súa base no nome Iexurún de Dt **32**, 15 e **33**, 5. 26. Aquí o becerro (heb. "xur") pasa a ser unha xovenca que escorna, e logo un rabaño de carneiros que Iavé, coma Mot (= A Morte), vai apacentar na chaira do xeol (cf Sal **49**, 15).
**4**, 19 *O vendaval* (heb. "rúah") é un espírito que, como forza interna, arrastra á prostitución sacra, cousa que lle agrada ao pobo (cf **5**, 4). Oseas, en troques, valora o culto sacrificial.
**5**, 1 No A. T. hai moitos lugares indicados co nome de *Mispah*, polo que é imposible identificar o lugar ao que se refire o texto. Sobre o *Tabor*, cf Dt **33**, 19, que alude á presenza dos pobos no monte de Zebulón e Isacar, aínda que no Dt se fala de sacrificios lexítimos, cousa que non sucede no tempo de Oseas.

2 Si, sentíanse profundamente
afeccionados a sacrificar ás imaxes,
pero eu serei quen os castigue
a todos eles.
3 Eu coñezo ben a Efraím,
e Israel non se me esconde.
Certo que ti, Efraím,
te dás agora á prostitución,
si, emporcállase Israel;
4 as súas obras non lle permiten
apartar dos seus deuses,
xa que teñen dentro deles
un espírito de prostitución,
e ao Señor non o coñecen.
5 A soberbia de Israel testemuña
contra el mesmo,
Israel e mais Efraím están a punto
de caer pola súa iniquidade,
e con eles cae tamén Xudá.
6 Coas súas reses e vacas
van buscar o Señor,
pero non atopan o seu liberador.
7 Velaí: traizoaron ao Señor,
e xeran fillos bastardos:
por iso un Novo Baal
devoraralles a cada un a súa herdanza.

### Anuncios de castigo acerca da guerra siro-efraimita

8 Tocade o corno en Guibah,
a trompeta en Ramah,
dade a alarma en Bet-Aven:
"Olla para os perseguidos, Benxamín".
9 Efraím converterase nunha desolación
o día do castigo.
Contra as tribos de Israel anuncio
eu o que é seguro.
10 Os xefes de Xudá son
os que mudan os marcos:
sobre eles verterei o meu anoxo
coma auga.
11 Efraím está oprimido,
quebrantada está a xustiza,
aínda que quere perseguir o seu dereito;
12 pero eu son para Efraím coma un tumor,
coma podremia para a casa de Xudá.
13 Cando viu Efraím a súa enfermidade,
e Xudá a súa chaga,
foi Efraím a Asiria,
e mandou emisarios ao gran rei,
pero este non será capaz de curarvos,
nin vos quitará a chaga.
14 Si, eu serei coma un león para Efraím
e coma un cachorro de león para Xudá;
eu, eu en persoa, esgazarei e marcharei;
apresarei, e non haberá quen salve.

### Retirada do Señor e denuncia da falsidade da liturxia penitencial de Israel

15 Voume volver ao meu santuario,
ata que se sintan culpables:
entón buscarán o meu rostro,
cando estean na angustia;
na angustia desexaranme
ardentemente.

**6** 1 Vide e volvámonos ao Señor.
É El quen nos desgarra
e quen nos curará,
quen nos fere, e nos vendará,
2 faranos revivir despois de dous días,
ao terceiro día restableceranos,
e viviremos felices na súa presenza.
3 Nisto recoñecerémolo.
Esforcémonos por coñecer o Señor:

**5**, 4 "O home é espírito": ten a capacidade de ser movido por Deus, polo espírito de Deus e por espíritos malos, coma neste caso. Os malos feitos impiden que o home e o pobo coñezan o Señor e acepten a súa revelación a través da historia. A actitude de seguir o propio xuízo relixioso-moral por impulso das propias obras, chámase soberbia (v. 5).
**5**, 6 A busca do Señor realízase mediante sacrificios rituais, que non bastan para atopar o seu liberador.
**5**, 7 A traizón ao Señor realizábase na prostitución sagrada, da que saían os fillos bastardos (no dobre sentido: biolóxico e relixioso). Por isto, ao multiplicárense os adoradores de Baal o Novo (= o rexurdido en cada primavera), a terra será devorada por Baal, en vez de ser herdanza do pobo de Iavé.
**5**, 8-14 Aparecen aquí (v. 8) unhas motivacións expansionistas de Xudá a costa de Benxamín (Ramah e Guibah pertencen a Efraím). Unha acusación concreta contra Xudá: que muda *os marcos*. Efraím (= Israel) é oprimido, busca o seu dereito, pero será castigado cun tumor (idolatría e sincretismo relixioso) que o envelena. Manda unha embaixada ao rei de Asiria, que lle resulta nociva. Detrás de toda esta historia, o profeta ve a actuación de Deus na imaxe do león que castiga irremisiblemente (vv. 11-14). Hai aquí unha visión da guerra siro-efraimita distinta da que se adoita dar.
**5**, 16-**6**, 11 Estes textos forman unha unidade temática, e soamente nesa unidade teñen sentido. O v. 15 é un anuncio oracular da retirada de Deus e dos sinais da súa presenza benévola, posiblemente verificada con ocasión dunha seca (**6**, 3). Os vv. 1-3 conteñen unha chamada á participación na liturxia penitencial, con expresións de fe e de agradecemento pola escoita divina, pero tamén cunha tal seguridade, que chega ata a concepción máxima do ritual penitencial.
Os vv. 4-11 conteñen unha serie de denuncias da falta de fidelidade aos compromisos da Alianza, e presentan, en forma de oráculo, as esixencias concretas do Deus da Alianza (v. 6).
**6**, 2 *Os dous días* e *o terceiro día*: cantidade de tempo precisa, que polo contexto parece ser curto. Na frase "ao terceiro día restableceranos e viviremos felices", foi onde Xesús e a primitiva Igrexa se apoiaron para referirse á resurrección aos tres días, segundo as Escrituras (cf 1 Cor **15**, 4; Lc **24**, 6), seguindo as leis esexéticas daquel momento histórico.

a súa irrupción é segura coma a alba.
Viranos á terra certamente
unha chuvia forte,
si, a chuvia da primavera
e a chuvia do outono.
[4]Que che vou facer, Efraím?
Que che vou facer, Xudá?
O voso amor é coma a nube da mañá,
coma o orballo da madrugada, que pasa.
[5]Por isto ferín co meu terrible oráculo,
matei coas palabras da miña boca,
e a miña sentenza brilla coma o sol,
[6]pois quero amor, e non sacrificios,
prefiro o coñecemento de Deus
aos holocaustos.
[7]Pero velaí: pisaron coma a terra
a miña Alianza, e traizoáronme.
[8]Galaad é unha cidade de malfeitores
con pisadas de sangue.

[9]Como espreita unha banda de bandidos,
así é a comunidade dos sacerdotes,
asasinan polo camiño que vai a Xequem.
Que maldades cometen!

[10]Na casa de Israel vin cousas horribles:
Velaí a prostitución de Efraím,
emporcállase Israel.
[11]Tamén para ti, Xudá,
está preparada a seitura.

## III. XUÍZO SOBRE A HISTORIA CONTEMPORÁNEA

### Introdución: os golpes de estado

**7** [1]Cando eu queira cambiar
a sorte do meu pobo,
cando eu queira curar a Israel,
entón revelarase a culpa de Efraím,
a ruindade de Samaria,
pois practican a falsidade.
O ladrón entra dentro,
a banda dos malfeitores vaga pola rúa.
[2]Non miran para os seus adentros,
que eu me lembro de toda a súa maldade.
Agora as súas accións téñenos envoltos,
e están diante do meu rostro.
[3]Coa súa maldade alegran ao rei
e coas súas falsidades aos xefes.
[4]Todos eles son dados ao adulterio,
eles son coma un forno que arde,
no que o panadeiro deixa de o atizar,
desde que se fai a masa
ata que leveda.
[5]De día os reis enferman de repente,
os xefes teñen a quentura do viño,
e danlles a súa man incluso aos bandidos.
[6]Si, levan dentro de si coma un forno,
pois o seu corazón está na trama.
Toda a noite dorme a súa paixón;
pola mañá está ardendo
coma un lume en labarada.

**6**, 4 *O voso amor* ("hésed"): é a resposta ao amor de Deus mostrado na historia da salvación, que debería levar ao cumprimento da Alianza. O amor a Deus ponse en paralelo co coñecemento de Deus (v. 6).
**6**, 6 Os sacrificios do A. T. non teñen outro valor ca o de seren signos e expresión de fidelidade ao amor de Deus, concretada no cumprimento dos seus mandamentos. Doutro xeito, non teñen valor relixioso, e menos aínda coa mentalidade máxica do culto que Oseas ve nos seus destinatarios. Na nova Alianza, en troques, o sacrificio de Xesús obediente ata a morte ten valor salvífico absoluto.
**6**, 7 O texto di "adam", que ha de entenderse como "adamah" (superficie da terra, o chan). Nótese tamén o paralelismo entre "a miña Alianza" e "a min" (= Deus mesmo).
**6**, 8 Sobre a localización do antigo santuario de Galaad, cf Xén **31**, 46-48. Os crimes poden ser os indicados en 2 Re **15**, 25.
**6**, 9 Esta comunidade de sacerdotes sincretistas, que asasinan aos que van camiño de Xequem, vese contraposta ao sacerdocio levítico, celoso gardador e promotor das máis puras tradicións teolóxicas en Israel (cf Introd. ao Dt).
**6**, 11 *Seitura*. Este termo, coma o da vendima, significa o xuízo de Deus e o correspondente castigo purificador. O presente v. é unha glosa referida a Xudá.
**7**, 1ss Para a mellor comprensión do texto, débense ter en conta as seguintes observacións: Efraím é poucas veces sinónimo de Israel ou Samaria (**7**, 3; **11**, 8); en **13**, 1 aparece Efraím como unha parte e Israel como o todo; o máis frecuente é que haxa bloques referidos a Israel (**8**, 1-9a) e bloques referidos a Efraím (**7**, 8-16; **8**, 9b-13; **9**, 3-17). Estas observacións obrígannos a recordar algúns datos de 2 Re **15**, 16-**17**, 6, relativos á historia deste turbulento período de tempo: Zacarías, da dinastía de Iehú, é asasinado por Xalum, e Xalum por Menahem, que sae de Tirsah, na tribo de Menaxés, e arrasa Tapúah e o seu territorio, na tribo de Efraím, por non lle abrir as portas. Na campaña de Teglatpeléser III contra Siria, Menahem págalle 1.000 talentos de prata a Teglatpeléser para asegurarse no trono. A conclusión é lóxica: Xalum é natural da poderosa tribo de Efraím, que quere pórse á cabeza de Israel. A Menahem sucédelle o seu fillo Pecahías, que aos dous anos é asasinado por Pécah (presumiblemente galaadita, pois acompáñano 50 homes de Galaad). Por falta de apoio, aos dous anos desta campaña asasínao Oseas, un home ao parecer efraimita.
**7**, 4 *O adulterio* significa a alianza oposta á verdadeira alianza; aquí, a alianza golpista, sempre disposta a outras alianzas con Exipto e Asiria (cf **7**, 11; **8**, 3...). A situación seméllase a un forno, do que non pode saír pan bo, pois xa non ten calor ao meter o pan.

7 Todos eles arden coma un forno,
para devorar os seus soberanos;
caen todos os seus reis,
sen haber entre eles quen acuda a min.

**A inclinación de Efraím ás alianzas políticas**

8 Efraím está entre as nacións,
mestúrase con elas.
Efraím é un freixó,
ao que non se lle deu a volta.
9 Estranxeiros devoran a súa forza,
e el non se dá de conta.
Xa lle veñen pouco a pouco as canas,
e el non se dá conta.
10 A soberbia de Israel testemuña
contra el mesmo,
pero non se volveu ao Señor, o seu Deus,
nin o busca coa súa conversión.
11 Efraím é coma unha pomba,
que se deixa seducir, sen xuízo:
chaman ás portas de Exipto,
corren a Asiria.
12 Así que se vaian, eu estenderei
sobre eles a miña rede;
coma os paxaros do ceo, fareinos baixar,
castigareinos conforme ao anuncio
feito na súa asemblea.
13 Ai deles!, pois fuxiron de onda min.
Desgraza para eles!,
pois rebeláronse contra min.
Si, eu debería rescatalos,
pero eles falaron contra min falsidades
14 e non clamaron cara a min
desde o seu corazón,
cando se lamentaban nos seus leitos.
Fixéronse clientes de Dagán e de Tirox,
e apartáronse de min,
15 aínda que eu os instruín,
fortalecinlles os seus brazos,
mentres maquinaban o mal contra min.
16 Volvéronse ao que non é Altísimo,
e foron coma un arco falso.
Caeron á espada os seus xefes,
por culpa da maldición da súa lingua.
Isto é a súa burla,
que trouxeron de Exipto.

**Xuízo sobre Israel e a súa política**

**8** 1 Fai da túa boca unha trompeta:
unha aguia está sobre a casa do Señor!,
porque transgrediron a miña Alianza
e rebeláronse contra a miña lei.
2 Clámanme eles:
"Deus de Israel, nós recoñecémoste!".
3 Israel rexeitou ao Bo, seguiron ao inimigo.
4 Eles constituíron reis,
pero sen contar comigo;
constitúen xefes, pero non os recoñezo.
Da súa prata e do seu ouro
fixeron ídolos,
para se aniquilaren eles mesmos.
5 Certo que rexeitei
o becerro de Samaria,
a miña ira arde contra eles.
Ata que día serán incapaces da pureza?
6 Si, é cousa que veu de Israel:
faino un artista, por iso non é Deus;
en anacos será convertido
o becerro de Samaria.
7 Abofé, sementan vento
e colectan tempestades.

**7**, 7 *Soberanos* (heb. "xofetim"). A miúdo significa xuíces; pero aquí, en paralelo con reis, equivale a soberanos, pois soamente a eles correspondía a función xudicial de premiar. O rei era un personaxe sacro, debido a súa función de representante de Deus, polo que a súa morte violenta clamaba vinganza.
**7**, 8ss O texto débese referir aos preparativos do golpe de estado de Xalum, no que se condenan as alianzas coas nacións e os regalos a estas mesmas nacións (Exipto e Asiria), e sobre todo o seu culto cananeizante, que busca os intereses materiais en contra da alianza co Señor.
**7**, 9 *As canas* son símbolo da sabedoría, xa que esta é froito da experiencia e da reflexión, que vén cos anos.
**7**, 10 O primeiro verso deste v. está tomado de **5**, 5. Por esta razón, e mais por romper o oráculo relativo a Efraím, ten de considerarse unha glosa.
**7**, 11b Os cambios dinásticos interprétanse como unha posible vontade divina de progreso relixioso e humano: pero resultan un desvelo da ruindade dos promotores: Efraím e a clase dirixente de Samaria, situada na tribo de Menaxés, que aquí representa ao resto das tribos.
**7**, 12 Os que se van son os emisarios efraimitas que reclaman o arbitrio das grandes potencias sobre o golpismo de Menahem e dos menaxitas. O castigo é o esmagamento que realiza Menahem (cf 2 Re **15**, 14. 16ss).
**7**, 14 Dagán era a divindade dos cereais (Ceres, na mitoloxía latina). Tirox era a divindade protectora da viña (o Baco latino). Son deuses do panteón cananeo.
**8**, 1ss Resposta profética condenatoria da subida ao trono de Menahem, facendo referencia ao tributo que pagaba a Asiria (vv. 7-9a).
**8**, 1 A trompeta usada na guerra é aquí signo de perigo: unha ave de rapina ameaza ao reino do Señor.
**8**, 3 A alianza con Asiria (= o inimigo) supón a ruptura da alianza con Iavé (= "o Bo").
**8**, 5 Oseas, fiel ao espírito do Dt **4**, 15-20 e **5**, 8-10, é o primeiro que rexeita como idolátrico o becerro de Samaria, símbolo ou trono de Iavé, que, naquel ambiente sincretista, se prestaba a identificacións coa divindade "El" (en ugarítico "touro") ou con Baal, deus da fertilidade e fecundidade, simbolizada polo poder xenético do Touro. *A pureza* é aquí o fiel seguimento da lei do Señor.
**8**, 7-9 As escasas colleitas e o tributo que teñen que subir a Asiria, considéraos o profeta como un castigo pola idolatría de Israel.

**Xuízo sobre Efraím e o seu rei Oseas**

A anada non ten froito,
non produce gran;
se producise algún,
devoraríano estranxeiros.
[8]Devoran a Israel:
agora está entre os pobos
coma un obxecto sen valor.
[9]Velaí soben a Asiria;
Efraím é un asno salvaxe: non é fecundo,
pero dánselle os amoríos.
[10]Si, dánselle ben os amoríos coas nacións,
pero vouno agarrar:
retorcerase algún tempo
baixo o peso do rei de príncipes.
[11]Si, Efraím multiplicou
os altares para se desempecatar,
pero os altares servíronlle
para teimar no pecado.
[12]Escríbolles con abundancia as miñas leis,
e considéranas coma cousa allea.
[13]Ofrecen sacrificios
por amor a min e comen a súa carne,
pero o Señor non se comprace neles.
Agora El lembra as súas culpas
e castiga os seus pecados.
Si, teñen que volver a Exipto.
[14]Israel esqueceu o seu Creador
e construíu palacios.
Xudá multiplicou as cidades nas alturas.
Pero eu mando lume
contra as súas cidades,
que devorará os seus palacios.

**O reinado do efraimita Oseas**

**9** [1]Non te alegres, Israel;
Non brinques de xúbilo, meu pobo!
Pois prostituícheste
apartándote do teu Deus,
e amaches a paga da prostituta,
sobre todas as eiras de Dagán,
[2]sobre a eira e o lagar
de quen non é forte.
O tronador e inestable Tirox
está entronizado en Israel,
[3]pero non reinará no país do Señor.
Por isto Efraím terá que volver a Exipto,
e en Asiria terán que comer
alimentos impuros.

[4]Non ofrendaron ao Señor
libación do seu viño,
nin lle presentaron os seus sacrificios.
Terá un pan de loito;
todos os que o comen
se volverán impuros.
Pois o seu pan servirá
para as súas gorxas,
pero non entrará na casa do Señor.
[5]Que prepararedes
para o día da xuntanza,
para o día da festa do Señor?
[6]Aínda que queiran escapar da ruína,
xuntaraos Exipto, enterraraos Menfis.
Aínda que a prata lles resulta
cousa preciosa,
as estrugas recibirana en herdanza

**8**, 9-14 Baixo a forte imaxe do onagro salvaxe, infecundo pero cacheiro, expresa o profeta a triste política de alianza de Efraím que produce os froitos negativos da deportación de Asiria (vv. 9. 10 e final do 13).
Como razóns teolóxicas sinala Oseas a multiplicación do culto idolátrico e a desobediencia á lei do Señor. O momento histórico deste texto cadra mellor co reinado do efraimita Oseas, que rematará na deportación a Asiria.
**8**, 10 O rei de príncipes é o rei de Asiria, Xalmanasar V.
**8**, 13 *Volver a Exipto*: cf nota a **9**, 3. A expresión ten un valor simbólico-teolóxico: un novo desterro e escravitude.
**8**, 14 Todo este v. é un engadido para aplicar a Xudá os oráculos ditos de Efraím, que neste caso é sinónimo de Israel, por estar Israel rexido polo efraimita Oseas.
**9**, 1-17 Todo o c. se refire á ruptura do pacto con Asiria, no reinado de Oseas (2 Re **17**, 4), e anuncia as consecuencias da deportación, ao mesmo tempo que indica as causas teolóxicas da mesma. O texto desenvólvese en cinco estrofas ou seccións: a) vv. 1-3: a ledicia por non pagar o tributo terá como resposta a escravitude en Asiria; b) vv. 4-6: a falta de culto ao Señor é a causa da deportación a Asiria, coa conseguinte perda da esperanza; c) vv. 7-9: axuste de contas, por desprezar o profeta, tratándoo de louco e delirante; d) vv. 10-14: o culto a Baal, deus cananeo da vida, terá como castigo a esterilidade e a privación de homes; e) vv. 15-17: a rebeldía dos reis vén desde sempre: por isto o castigo será a esterilidade e o desterro. Hai que notar que o estilo e xénero literario non son os dos oráculos de xuízo de castigo, senón os dos discursos de reflexión teolóxica sobre a historia, propia do Dt.
**9**, 1 A ledicia de Israel vén provocada pola negación do tributo a Asiria. Israel designa aquí a todas as tribos e practicamente equivale ao Efraím do v. 3, por reinar en Israel un efraimita. A prostitución e a paga de prostituta aluden ao pacto con Exipto (cf 2 Re **17**, 4).
**9**, 2 *Quen non é forte*. *O tronador e inestable*: cualificativos referidos ás divindades cananeas (cf nota a **7**, 14), que consideran o pacto con Exipto como algo interesante e utilitario, ao mesmo tempo que describen a situación idolátrica na que vive o país.
**9**, 3 *Volver a Exipto*: non se trata dun novo pacto con Exipto, senón da deportación a Asiria, concibida a semellanza da escravitude en Exipto.
**9**, 4 *Pan de loito* é aquí o pan do desterro, pan de aflición.
**9**, 5 No desterro non se celebra a festa das Cabanas (festa de moita alegría), ao non ter santuario (cf Éx **23**, 14ss).

e as silvas medran nas súas tendas.
7 Chegaron os días das contas,
chegaron os días do desquite.
Sábeo ti, Israel.
O profeta está tolo,
o home do espírito delira.
Polo enorme da túa ignominia,
e por multiplicarse a túa hostilidade,
8 é o profeta, a sentinela de Efraím,
quen está con Deus:
(cos seus oráculos) fanlle trampa
ao comportamento de Efraím,
pon hostilidades no templo
da súa divindade.
9 Corrompéronse profundamente
coma nos días de Guibah,
pero (o Señor) lembra a súa ignominia
e pídelles contas dos seus pecados.
10 Coma un bacelo no deserto
atopei eu a Israel,
coma o primeiro figo maduro
da figueira, vin eu os seus pais.
Pero eles foron a Baal-Peor,
e consagráronse á Vergonza,
e volvéronse tan abominables
coma o que eles amaban.
11 Efraím é coma un paxaro,
desaparecerá voando a gloria
do seu parto, da súa matriz
e da súa preñez.
12 Aínda que críen aos seus fillos,
eu privareinos de homes.
Si, ai deles!, cando eu deles me aparte.
13 Vin a Efraím marchar
xunto á concubina instalada no campo,
pero así entregará os seus fillos
aos asasinos.
14 Dálles, Señor! Que lles vas dar?
Dálles úteros sen fillos e peitos enxoitos.
15 Toda a súa maldade vén desde Guilgal,
desde entón aborrecino,
pola maldade das súas accións
boteinos da miña casa;
non os volverei amar,
pois todos os seus xefes son rebeldes.
16 Efraím está ferido,
a súa raíz está reseca, sen froito;
aínda que dea a luz, farei morrer
o froito querido das súas entrañas.
17 O meu Deus rexéitaos,
pois non lle fixeron caso,
e por isto andarán escapados
entre as nacións.

### Polos crimes de Efraím e Israel, morrerá o seu rei

**10** 1 Israel está regada coma un bacelo,
madúralle o froito;
igual que a chuvia cae sobre o seu froito,
así multiplica el os altares;
como as precipitacións
caen sobre a súa terra,
así mellora el as estelas.
2 O seu entendemento está morto;
están perdidos.
O Señor mesmo vai descabezar
os seus altares,
vai arrasar as súas estelas.
3 Si, agora xa poden dicir:
"Non temos rei,
pois non respectamos o Señor.
E o rei, que pode facer en favor noso?".
4 Si, falan cousas,
fan xuramentos en falso,
conclúen alianzas,
medran os preitos coma a herba velenosa

**9**, 7 O pobo despreza o profeta, e o profeta acusa ao pobo de ruindade e corrupción. Deus pídelle contas ao pobo.
**9**, 9 *Guibah*: cf nota a Xuí **19**, 13.
**9**, 10 *Vergonza* (heb. "bóxet") é un cualificativo de Baal, empregado despectivamente (cf 2 Sam **4**, 4s). No culto a Baal practicábase a prostitución sagrada, intentando multiplicar a descendencia, por iso o castigo de Deus é privar a Efraím de fillos varóns (cf nota a **9**, 1-17).
**9**, 13 Este texto presenta o culto a Baal coma os amores coa segunda esposa ou concubina.
**9**, 15 *Toda a súa maldade vén desde Guilgal*: desde os tempos de Xaúl (cf 1 Sam **13**, 7-15; **15**, 12-13; cf nota a **4**, 15).
**10**, 1-15 Este c. está composto por tres unidades: a) vv. 1-7: suponse aquí a situación política dun rei Oseas sometido ao poder asirio e menosprezado polo pobo. Parece un oráculo de castigo dirixido contra Samaria; b) vv. 9-10: reflexión de teoloxía da historia, vendo no ano 720 unha continuidade co crime de Guibah (Xuí **19**), ao mesmo tempo que se anuncia o castigo polo dobre pecado; c) vv. 11-15: coa imaxe de Efraím coma unha xovenca amansada e xunguida, quérese expresar a submisión a Asiria. Aínda dese xeito, debería practicar a xustiza e a fidelidade á Alianza; así, os seus froitos son a maldade e a iniquidade. Confían nas súas propias forzas, e por iso Betel será arrasado, e o rei desaparecerá. Esta denuncia do pecado de Efraím conclúe co mesmo tema ca a sección dos vv. 1-7, motivo este polo que hai que considerar as dúas seccións como formando unha unidade.
**10**, 1 A imaxe literaria da *viña*, aquí bacelo non regado, é frecuente no A. T. para designar o pobo de Deus (Sal **80**; Is **5**, 1ss; Xer **2**, 21; cf Mt **20**). O carácter de viña regada expresa a especial calidade e riqueza do pobo, pero esta riqueza emprégase tristemente nos cultos á fertilidade e fecundidade.
**10**, 2 *O seu entendemento* (lit. "o seu corazón") está morto (cf 1 Sam **25**, 27). O corazón é a raíz dos plans, proxectos e ideas.
**10**, 3 Non parece que o texto se refira á desaparición do rei Oseas, senón á súa inutilidade para as tribos do Norte, debido á submisión total a Asiria, e ao tributo que tiñan que pagar. Esta inutilidade explícase no v. 4.

nos sucos do campo.
[5]Os habitantes de Samaria estremécense,
por mor do becerro de Bet-Aven;
pois por el fai lamentación o seu pobo,
por el fan lamentación
os seus sacerdotes,
envórcanse pola riqueza do becerro
que marchou ao desterro, lonxe del.
[6]Tamén o levarán a Asiria,
como tributo para o gran rei.
Efraím recollerá a vergonza,
e Israel avergonzarase do seu plan.
[7]Desaparecerá Samaria,
o seu rei será coma escuma
sobre a auga
[8]e serán destruídos
os outeiros da iniquidade,
o pecado de Israel.
Cardos e silvas medrarán
sobre os seus altares;
entón diranlles ás montañas:
"Esmagádenos",
e aos outeiros: "Caede sobre nós".
[9]Desde os días de Guibah pecaches, Israel;
permaneciches no pecado.
De certo, a guerra collerate en Guibah.
[10]Cando eu desexe mal
contra os fillos da Maldade,
fareinos desaparecer,
e xuntaranse os pobos contra eles,
porque xuntaron os seus dous crimes.
[11]Efraím é unha xovenca amansada,
á que lle gusta trillar,
por isto eu póñolle o xugo por riba
e xungo o seu fermoso pescozo;
Efraím deixa a barbeito,
Xudá ara, oh, Xacob!
[12]Sementade para vós conforme a xustiza,
colectade segundo a fidelidade á Alianza.
Decruade para vós a anovada,
si, e tamén un suco para buscar o Señor,
ata que veña e teñades a chuvia
ao seu tempo.
[13]Arastes a maldade,
colectastes a iniquidade,
e comestes o froito da falsidade.
Por poñeres a confianza no teu poder,
na multitude dos teus valentes soldados,
[14]un clamor levántase contra a fortaleza
e todos os teus fortes son arrasados,
o mesmo que Xalmán
arrasou a Bet-Arbel,
o día da batalla, cando estrelaron
a nai contra os seus fillos.
[15]Así farán convosco, Betel,
por culpa das vosas enormes maldades:
A alba perecerá aniquilado
o rei de Israel.

## IV. REFLEXIÓN TEOLÓXICA SOBRE A HISTORIA

### Perspectivas salvíficas de futuro

**11** [1]Cando Israel era escravo, eu ameino,
e de Exipto chamei aos seus fillos.
[2]Cando máis os chamaba,
máis marchaban de onda min.
Ofrecían sacrificios aos baais,
ofrendaban incenso aos ídolos.
[3]Pero eu ensináralle
a Efraím a camiñar,
tíñao collido nos meus brazos,

**10**, 5 *O becerro*, imaxe ou piar de Iavé en Betel (= Bet-Aven: cf nota a **4**, 15). Aínda non foi o desterro, pois no v. 8 dise que será destruído "o pecado de Israel", que é xustamente esta imaxe do templo de Betel; e no v. 6, afírmase que será levado a Asiria.
**10**, 8 As expresións *esmagádenos*, *caede sobre nós*, expresan o desexo da fin do mundo, entendido como unha situación caótica total.
**10**, 11 A imaxe literaria da xovenca amansada e afeccionada á trilla, expresa o interese pola fartura e prosperidade (cf Dt **25**, 4). A imaxe do xugo expresa a submisión e o tributo que hai que pagar a Asiria.
**10**, 12 *Suco*. O suco convértese en camiño para buscar o Señor e o seu don, a chuvia. O camiño é a xustiza e a fidelidade á Alianza.
**10**, 13 A confianza nos propios medios e recursos considérase unha idolatría e infidelidade á alianza.
**10**, 14 *Xalmán*: rei moabita que atacou Galaad arredor do ano 730. En Galaad atopábase a cidade de Bet Arbel ou Bet Irbid.
**10**, 15 *Á alba* era o momento de comezar a pelexa; por iso fálase na Biblia da vitoria á alba (Xuí **9**, 34-37; 2 Cro **20**, 16-20; Sal **46**, 6; Is **17**, 14).
**11**, 1-11 Consideramos estes vv. como unha soa unidade literaria con dúas partes, de xeito que a actitude de amor e salvación dos cinco primeiros vv. ten a súa expresión máis clara nos vv. 8-11. Os elementos de refugamento dos vv. 2-3 e os de castigo dos vv. 5-7, teñen a función de preparar o oráculo de salvación e de revelación do amor de Deus. Os vv. 10-11, a xulgar polo estilo, saen un tanto da tonalidade dos vv. 8-9, polo que algúns os consideran independentes ou secundarios na composición, non precisamente alleos a Oseas.
**11**, 1 O amor de Deus como causa da elección e liberación de Exipto é un tema que Oseas comparte coa teoloxía deuteronómica de Xequem (cf Dt **4**, 37; **7**, 7-9; **10**, 15). *Os seus fillos*: por razón do contexto, hai que entender o texto en plural, como fixeron os LXX e os targums.
**11**, 3 Belas imaxes para expresar o don dos mandamentos ("ensinar a camiñar") e da protección ("tíñao collido en brazos") e curación divinas, que deixaron entrever a función case maternal de Deus.

e non quería saber
que eu era o seu médico.
4 Coas cordas das miñas mans acollinos,
con brazos de amor,
e fun para eles coma quen lles levanta
o xugo do pescozo,
ligueinos a min e dáballes de comer.
5 Certo que volverá ao país de Exipto,
e ao rei de Asiria, que será o seu rei,
pois non quixeron arrepentirse.
6 Así a espada dirixirase
contra os seus príncipes,
e acabará cos sacerdotes
que profiren oráculos,
e devorará parte dos seus conselleiros.
7 E o meu pobo persistirá na súa caída,
invocará ao supremo El
e non celebrará ao Deus Único.
8 Como te vou entregar, Efraím?
Como te vou deixar, Israel?
Como te vou entregar
igual ca Ademah?
Como te vou volver igual ca Seboim?
O meu corazón revólvese contra min,
ao mesmo tempo
que a miña compaixón se conmove.
9 Non provocarei o incendio da miña ira,
non volverei destruír a Efraím,
pois son Deus e non un home,
o Santo no medio de ti:
non te volverei destruír.
10 Camiñarán tras o Señor,
que ruxirá coma un león.
Si, el ruxirá e os seus fillos
virán tremendo desde occidente.
11 Virán tremendo desde Exipto
coma paxariños,
e coma pombas desde o país de Asiria:
fareinos volver ás súas casas
–é o Señor quen fala.

### A idolatría e os crimes de Efraím desprezan a mensaxe profética

**12** 1 Efraím tenme rodeado de mentira;
e de falsidade, a casa de Israel.
Tamén Xudá segue índose co deus El,
e segue confiando nos ídolos.
2 Efraím pastorea o vento
e segue tras o vento leste todo o día:
a Mentira e os demoños multiplícanse.
Por iso conclúen alianza con Asiria,
e levan aceite a Exipto.
3 Velaí o preito do Señor con Israel
para lle pedir contas a Xacob
do seu comportamento,
para lle devolver a paga das súas accións.
4 No ventre da nai suplantou a seu irmán,
e sendo xa maduro loitou con Deus.

**11**, 4 *Levanta o xugo do pescozo*. Outros, seguindo os LXX, len "coma quen levanta un meniño contra a súa meixela".
**11**, 5 A volta a Exipto é unha categoría teolóxica da escravitude (cf nota a **9**, 3), mentres que o resto do v. é a expresión do futuro histórico próximo.
**11**, 7 *El* era a divindade suprema do panteón cananeo, coma Xúpiter e Zeus no latino e no grego. *Deus Único*: nome de Iavé.
**11**, 8 *Ademah* e *Seboim* son nas tradicións de Israel coma Sodoma e Gomorra nas de Xudá (cf nota a Dt **29**, 12).
**11**, 9 A transcendencia e a santidade divina son aquí a razón para a actitude de perdón e de amor salvífico de Deus. Xa que Deus está por riba do home, tamén o seu amor está por riba das miserias humanas.
**11**, 10-11 Como no v. anterior se falaba da santidade de Deus nun sentido pouco transcendente, os discípulos de Oseas colocaron este texto aquí, para sintonizaren un pouco máis coa concepción tradicional da santidade divina como algo tremendo (cf Éx **19**, 2ss; 2 Sam **6**, 6-8; Is **6**, 3).
**12** Dentro dunha unidade de fondo, este c. presenta diversas unidades menores: a chamada á conversión (vv. 6-8) e o oráculo exhortativo (vv. 10-11), en contraste con outras unidades literarias que reflicten a desobediencia polo mal comportamento coas outras tribos (vv. 3-5), polo enriquecemento inxusto de Efraím (v. 9), e pola idolatría (vv. 1-2. 12-13). A unidade conclúe cunha consideración teolóxica do Éxodo (v. 14), mostrando a acción liberadora de Deus e maila resposta do pobo, ofendendo a Deus coa idolatría, co sangue vertido e con inxurias. O texto diríxese a Efraím, aínda que non exclúe as outras tribos de Israel nin a Xudá (v. 1b). O suplantar o irmán (v. 4) supón a situación histórica do rei Oseas, aínda que no sangue vertido (v. 15) pódese ver tamén unha referencia ao rexicidio de Xalum. Por outra parte, a alusión ás alianzas con Asiria e Exipto responden mellor ao reinado de Oseas.
O autor fai unha teoloxía da historia ao estilo do Dt, e mostra a repercusión dos feitos pasados na época en que vive.
**12**, 1 *Mentira e falsidade* refírense ao culto sincretista idolátrico. A casa de Israel eran os magnates do reino de Oseas. No paralelismo vese a equivalencia entre "casa de Israel" e Efraím. *Xudá*: probable introdución posterior, froito dunha relectura do texto no reino de Xudá (cf v. 3). *El*: o deus supremo do panteón cananeo. *Os idolos* (lit. "santos") son aquí as divindades menores, ás que se lles daba culto o mesmo ca aos demoños do v. 2, aínda que poderían ser tamén os "prostitutos sagrados".
**12**, 2 *O aceite* símbolo da bendición, das riquezas e da vida, debía entrar no ritual de conclusión das alianzas no s. VIII, tal como o deixa ver o paralelismo. Estas alianzas considéranse idolátricas, porque exclúen a confianza total en Iavé (v. 7).
**12**, 3 *Israel*. O paralelismo con Xacob esixe que se diga no texto "Israel" e non "Xudá". A alusión ao reino do Sur non se xustifica máis ca pola tendencia a facer unha relectura da palabra profética, destinada a Xudá. O autor búscalle unha xustificación ás rebeldías de Efraím daquela época no mal comportamento dos seus devanceiros.
**12**, 4-5 Cf Xén **25**, 26ss; **32**, 24-28.

5 Tamén loitou contra un anxo e venceuno;
chorou e pediulle que tivese compaixón.
En Betel atopouno e alí falou con el:
6 "O Señor é o Deus dos Exércitos,
Iavé é o seu tratamento.
7 Pero ti, vólvete ao teu Deus,
garda a fidelidade e a xustiza,
confía sempre no teu Deus.
8 Canaán ten na súa man
unha balanza falsa, gústalle estafar".
9 Entón Efraím respondeu:
"Xa me volvín rico,
conseguín riqueza para min;
todas as miñas ganancias abondan
para me acusar de culpa e pecado".
10 "Eu son o Señor, o teu Deus,
desde o país de Exipto:
obrigareite a vivir en tendas
coma nos días do encontro.
11 Falareilles aos profetas,
e eu mesmo lles multiplicarei as visións
e por medio dos profetas
falarei en parábolas".
12 Si, Galaad foi unha mentira idolátrica,
certamente eles foron unha falsidade.
En Guilgal ofrecían sacrificios de touros,
por iso os seus altares vólvense
moreas de pedras nos sucos do campo.
13 Xacob fuxiu ao campo de Siria,
e Israel serviu como servo
por causa dunha muller,
e por unha muller gardou rabaños.
14 Pero o Señor fixo subir
a Israel de Exipto
mediante un profeta,
e por medio dun profeta
foi pastoreado Israel.
15 Efraím provocoulle ao Señor
unha amarguísima pena,
pero El esparexerá sobre Efraím
o sangue vertido,
o meu Señor devolveralle as súas inxurias.

## V. CHAMADA Á CONVERSIÓN E Á PENITENCIA

### Oráculos de condenación

**13** 1 Cando Efraím falaba, daba medo,
era sublime en Israel;
pero fíxose culpable con Baal,
e mereceu morrer.
2 Pois agora continúa pecando,
fai ídolos de fundición,
da súa prata fai con habilidade ídolos.
Todo iso é obra de artistas.
Din eles: "Ofrecédelles sacrificios a eles,
que os homes biquen os becerros".
3 Por isto volveranse
coma néboa mañanceira,
e coma orballo que pasa á madrugada,
coma a muíña que voa da eira,
coma fume que escapa pola bufarda.
4 Si, eu son o Señor, o teu Deus,
desde o país de Exipto,
e deuses fóra de min
non debes recoñecer,

**12**, 5 *Chorou e pediulle...* Aínda que esta expresión non aparece en Xén **32**, 24-28, inclúese aquí por mor da equivalencia entre Xacob e o pobo, ao ter este participado nunhas liturxias penitenciais.
Este v. é a conclusión da exhortación: unha chamada a confiar sempre no Deus da alianza, arredándose de todo trato cos arrieiros e traficantes cananeos, pois as riquezas procuradas coas prácticas relixiosas e mercantís dos cananeos non conducen a nada bo (cf v. 9).
**12**, 9 A resposta de Efraím recoñecendo as súas riquezas e que estas constitúen pecado, vén significar non soamente un recoñecemento do seu cananeísmo, senón a ruptura do equilibrio entre as tribos, e o afán de dominio absolutista sobre elas, contrario ao espírito da Alianza (cf v. 10).
**12**, 10 *O encontro*: experiencias da conclusión da alianza no Monte Horeb, no Sinaí (Éx **33**, 7).
**12**, 11 Oseas séntese vinculado cun grupo de profetas iavistas, que son os que viven arredor do templo de Xequem. Descoñece os falsos profetas.
**12**, 12 Sobre Galaad, cf nota a **6**, 8. Sobre Guilgal, cf nota a **4**, 15 e **9**, 15.
*Sacrificios de touros*. Outros len, corrixindo o texto consonántico, "sacrificios aos demoños".
**12**, 13 Cf Xén **29**, 15-30.
**12**, 14 Moisés é considerado como profeta en Dt **18**, 18. "O pastoreo" é imaxe da realeza.

**13**, 1-2 Estes vv. forman un oráculo de xuízo condenatorio colectivo, precedido dunha explicación histórica da acusación (v. 1): a grandeza e prestixio de Efraím no pasado, foi a causa da súa idolatría, que segue practicando.
**13**, 2 Esta acusación de idolatría con becerros como signos cúlticos, débese a que no terreo desta tribo estaba o santuario nacional de Betel. Alí dábase culto a Iavé, que residía sobre un touro ou becerro, como en Xerusalén, sobre as ás dos querubíns que cubrían a Arca da Alianza. Pero, por mor do sincretismo relixioso, o becerro confundíase con El (o Xúpiter cananeo) e con Baal, o deus da vida, da que o touro era un símbolo, polo seu especial poder reprodutivo.
**13**, 4-11 Estes vv. constitúen outro oráculo de xuízo condenatorio colectivo, cun longo contraste introdutorio da acusación, que queda reducida a dúas frases (v. 6b). O anuncio de castigo presenta ao Deus castigador con imaxes da vida campesiña e beduína (vv. 7-8). As interrogacións dos vv. 9-11 danlle ao oráculo un ton de discurso de chamada á conversión, ao mesmo tempo que recordan os beneficios do pasado.
**13**, 4-6 A superposición dos planos históricos, o actual e o do Éxodo, explican este longo contraste da acusación.
*Fartáronse... esquecéronse de min*: alusión a Efraím (cf v. 1).

pois non hai outro salvador,
senón eu.
5 Eu pastoreeite no deserto,
na terra do sequeiro
6 Si, fíxenos pacer e fartáronse;
fartáronse e ensoberbeceuse o seu corazón,
por isto esquecéronse de min.
7 Si, eu serei para eles
coma un tigre que apresa,
coma un leopardo estarei á espreita
á beira do camiño.
8 Atacareinos coma un oso
a quen lle quitaron as crías,
e arrincareilles a caixa do corazón,
alí devorareinos coma unha leoa,
os animais salvaxes esgazaranos
en triscos.
9 Voute destruír, Israel;
si, quen virá na túa axuda?
10 Onde está o teu rei,
para que te auxilie a ti e ás túas cidades?
E onde están os teus soberanos
dos que dixeches:
"Dáme un rei e uns príncipes"?
11 Concedinche un rei,
movido polo meu anoxo;
e retireino, movido pola miña ira.

**Reflexión acerca da vida e da morte**

12 Envolta está a iniquidade de Efraím,
escondido o seu pecado.
13 As dores do parto chéganlle a Efraím,
pero el é un fillo parvo:
chegou a hora e non está no lugar
por onde rompen os fillos.
14 Vou libralos do poder do xeol,
vou rescatalos da morte.
Onde está, morte, o teu aguillón?
Onde está, xeol, a túa aguillada?
A misericordia está escondida
dos seus ollos.
15 Si, mentres el está medrando
entre a herba, vén o vento do leste,
o vento do Señor
que sobe do deserto,
e fai secar a súa fonte,
reseca o seu viveiro.
O Señor vai saquear os tesouros,
todos os obxectos preciosos.

**14** 1 Samaria vai ser arrasada,
pois rebelouse contra o seu Deus;
caerán a espada,
os seus meniños serán escachizados,
as súas mulleres en cinta
serán rebentadas.

**Chamada á conversión e á liturxia penitencial**

2 Vólvete, Israel, ao Señor teu Deus,
xa que caíches por culpa
da túa iniquidade.
3 Discorrede un discurso,
volvede ao Señor e dicídelle:
"Perdoa totalmente a culpa;
si, acóllenos a palabra;
queremos agradecercho co froito
dos nosos labios.
4 Asiria non nos pode salvar,
non queremos montar a cabalo,
non queremos volver a chamar
"Deus noso" á obra das nosas mans.
Pois en ti o orfo atopa compaixón".
5 Eu curarei a súa apostasía,
e querereilles de boa gana,
si, apartarei deles a miña ira.

**13**, 11 Non é necesario datar o texto despois da caída de Samaria (722), pois o refugamento do rei explícase suficientemente polas razóns dadas en **8**, 4.
**13**, 12-**14**, 1 Esta unidade literaria é unha reflexión sapiencial proxectada no mesmo Deus revelador. Trata do problema de Efraím, que na súa angustia, non se decata do seu pecado ou non valora o poder salvífico de Deus, moi superior á dos deuses míticos Mot e Xeol.
**13**, 13 A Efraím represéntao o autor coma unha muller embarazada que pare e lle dá vida ao seu pobo; pero o fillo vén atravesado e non dá saído á vida, porque é parvo: a súa parvada está en non recoñecer o poder de Deus, superior ao do deus da Morte.
**13**, 14 *Seus ollos*: os ollos de Efraím.
Este v. recibe unha interpretación cristolóxica en 1 Cor **15**, 55.
**13**, 15 *Herba*, por razón do valor do termo "ah" en ugarítico. *O vento do leste* é imaxe do poder de Iavé que fai secar a fe salvífica e vivificadora.
**14**, 1 Os castigos que se anuncian, eran os habituais nas incursións asirias. Este xeito de castigos está confirmado polos baixorrelevos asirios que apareceron.
**14**, 2-9 Esta perícope é a conclusión lóxica da sección precedente. Ao mesmo tempo, dá sentido á chamada á conversión dos oráculos de xuízo condenatorio de **13**, 1-11. Está composta por unha exhortación ao cambio de actitude, expresada na liturxia penitencial que o profeta pide (vv. 2-3a), unha oración e profesión de fe no poder de Iavé (vv. 3b-4), e un oráculo salvífico ( vv. 5-9).
**14**, 3 *Discurso*. Polo contexto, vese que alude á oración penitencial ou de lamentación colectiva que segue. Os profetas tiñan unha función especial nestas liturxias, xa como orantes, xa como voceiros da posible aceptación divina. *O froito dos labios* é a loanza a Deus pola salvación que El realizará ou que está realizando.
**14**, 4 *Montar a cabalo* é aquí sinónimo da salvación que Asiria ofrece ao pobo, formando parte do seu exército e recibindo a correspondente paga, que no v. seguinte se presenta como idolatría. A frase final é unha glosa, pois non encaixa no paralelismo literario.

[6] Serei coma orballo para Israel,
florecerá coma o lirio
e chantará as raíces
coma o bosque do Líbano.
[7] Os seus xermolos medrarán
e será coma a oliveira a súa beleza
e o seu perfume
coma o do bosque do Líbano.
[8] Volverán a habitar á miña sombra,
cultivarán o trigo,
lembrándose de min florecerán
coma a viña, coma o viñedo do Líbano.
[9] A Efraím, para que lle volverán
a servir os ídolos?
Eu, son eu, quen o escoito
e teño coidado del.
Eu son coma o ciprés sempre verde,
en min atópase froito para ti.

### Conclusión sapiencial

[10] Quen é o sabio que entenda estas cousas,
o entendido que as coñeza?
Pois son rectos os camiños do Señor
e os xustos camiñan por eles,
mentres que os que renegan
tropezan neles.

**14**, 6 Volve o autor ás imaxes vexetais. Antes (**13**, 15) empregounas nun sentido negativo; agora, en troques, faino en sentido positivo.
**14**, 8 *A sombra* é, neste caso, a protección divina. *Lembrándose* (lit. "co memorial sobre min"): refírese ao memorial cúltico, que ten lugar especialmente nas festas, e en xeral en todo o culto.
**14**, 9 *Froito para ti*. O ciprés, como árbore de folla perenne, de tamaño grande e de longa vida, é símbolo de Deus, fonte eterna de vida para o seu pobo.
**14**, 10 Esta conclusión é un resumo de Dt **4**, 3-5, e atopa ecos en Is **8**, 14; Lc **2**, 34; **20**, 17ss; Rm **1**, 22; 1 Cor **1**, 18; 1 Pe **2**, 6. Non parece tan seguro que este v. sexa unha glosa posterior, pois o tema anticípase en forma negativa en **13**, 14.

# INTRODUCIÓN A XOEL

## 1. Problemática

*A cuestión sobre o tempo do autor e o momento de composición deste escrito profético é do máis complexo e discutido, propoñéndose datas que van desde o século IX ata o IV. Na busca dunha solución, o camiño máis indicado parece ser o da análise dos contidos globais do libro, nunha visión unitaria do texto.*

## 2. Contido da obra

*O autor do libro parte da experiencia histórica dunha praga de saltóns e de lagostas, que trae efectos demoledores (**1**, 4-7). Esta praga, contemplada nas diferentes fases do crecemento do insecto (**1**, 4), evoca no espírito do profeta outra moito máis perigosa: a invasión dun pobo que vén do norte (**1**, 6; **2**, 20). A visión física da praga e a comprensión espiritual profética do exército invasor provocan a insistente chamada á celebración dunha liturxia penitencial. O texto da mesma ofrécese en **1**, 15-20. As expresións "un lume" e "un incendio" (v. 19) refírense á seca dos campos frescos provocada pola praga de saltóns.*

*No capítulo **2** desenvólvese o tema do "Día do Señor", tema familiar a Amós e Sofonías. Introducido xa en **1**, 5, este tema vén ser o símbolo da intervención de castigo e da intervención salvífica de Deus. Tomando ocasión da liturxia penitencial, Xoel presenta a praga como anticipo do día do Señor, cando Deus, valéndose do inimigo do norte (**2**, 20; cf **2**, 5. 7. 8. 9), vai realizar a súa manifestación exemplar de castigo. Deste xeito, clarifícase o sentido da praga (**2**, 1-11) e faise unha chamada á conversión auténtica e sincera (vv. 12-14), exhortación que se repetirá máis adiante (**2**, 15-17). Ofrécese despois a resposta do oráculo en relación coa aceptación da liturxia penitencial por parte de Deus, manifestada no anuncio das boas colleitas que terá o pobo (**2**, 18-27).*

*Partindo da experiencia salvífica de Iavé, o día do Señor deixa de ser castigo para os que invoquen o seu nome. Estes recibirán del o seu espírito profético, con manifestacións en soños e visións (**3**, 1-5); pero seguirá sendo momento de castigo para os pobos xentís por culpa do asoballamento de Xudá e Xerusalén, do seu territorio e da poboación, á que trataron como se fosen escravos (**4**, 1-8). Anúnciase o "Día do Señor" (**4**, 9-17) como unha guerra santa das nacións contra Iavé e "os seus valentes", que baixan de Xerusalén ao val simbólico de "O Señor que xulga" (heb. Ioxafat: lit. "Iehoxafat"). Estes valentes de Iavé son o seu pobo (**4**, 16). O xuízo de Deus preséntase coas imaxes da seitura e da vendima, que, aínda que terán grande uso na apocalíptica posterior, non son exclusivas dela.*

*Conclúe Xoel esta sección sobre o "Día do Señor" cun contraste entre a prosperidade de Xerusalén e a desfeita dos seus inimigos (**4**, 18-21; cf **4**, 4).*

## 3. O profeta no seu ambiente histórico (hipótese máis probable)

*O editor presenta o libro como obra de Xoel, fillo de Petuel (**1**, 1), pero non ofrece ningunha referencia cronolóxica. Da análise interna pódese deducir que era un profeta vinculado ao culto do templo de Xerusalén. Non hai datos suficientes para podelo considerar un profeta cúltico, un profeta oficial, pois non fala nada do rei, cousa estraña se fose profeta oficial no tempo da monarquía. Promove e predica a necesidade da liturxia penitencial, pero está formado na teoloxía da alianza do Dt e en Sof **1**, 2-**2**, 3, esixindo detrás do rito unha sincera conversión ao Señor (**2**, 12s); certo que, ao contrario de Sofonías, non especifica as esixencias morais e sociais da conversión.*

*O lugar da súa actividade é Xerusalén e Xudá, sen nomear sequera a Israel, que, no momento en que vive o profeta, xa non debe de existir como reino. Unha serie de coincidencias temáticas con Sofonías parecen dar a entender que os dous profetas son contemporáneos. Velaquí algunhas delas:*

*a) Os dous falan do "Día do Señor" nun sentido negativo de castigo (Xl **1**, 15; **2**, 1. 2. 11; **3**, 4; **4**, 14; Sof **1**, 7. 14ss; **2**, 2), aínda que en Xoel é ademais salvífico e de perdón para aqueles que invoquen o Nome do Señor (**3**, 5).*

*b) Tanto en Xoel como en Sofonías, as nacións inimigas son fundamentalmente Tiro e Sidón, Edom, Exipto e todas as provincias da Filistea (Xl **4**, 4.19). Tamén se fala dos "inimigos do norte", aos que acusa de pillaxe, de tráfico de escravos xudeus para vendelos aos xónicos, de anexión de partes do país, e*

*de roubos de prata e ouro para os seus templos. Estes inimigos parecen ser os escitas do norte, que, desde a beira do mar Negro, invadiron Asia Menor e toda a costa do Mediterráneo occidental, ata entrar en Exipto. A referencia que fai Xoel do "inimigo do norte", presentándoo no deserto, lonxe de Xudá, coa retagarda cara ao mar do nacente (o Caspio) e coa vangarda cara ao mar do poñente (o Mediterráneo) (Xl* ***2****, 20), responde aos datos de Heródoto (****1****, 106), que dá conta da desaparición dos escitas a mans dos medos (cf Introd. a Sof).*

*c) Nos dous profetas faise unha chamada á conversión, con efectos positivos: en Xoel, de forma clara (cf Introd. 2); e en Sofonías, algo máis velada (Sof* ***2****, 1-3;* ***3****, 9-12).*

*As semellanzas de tipo histórico e teolóxico entre Xoel e Sofonías moven a considerar os devanditos profetas como coetáneos. Por outra banda, a efusión do espírito profético sobre a mocidade e os anciáns ten boa comprensibilidade histórica no movemento deuteronomístico de apoio á reforma de Ioxías, nun ambiente de volta ás antigas formas culturais e relixiosas en todo o Medio Oriente. Non cabe dúbida de que este movemento tivo que ter na mocidade e nos vellos os seus entusiastas promotores. Esta proximidade aos deuteronomistas e ao Dt confírmase ao presentar o xuízo de Deus contra as nacións no "Día do Señor" como unha "guerra santa", tan importante no Dt (****4****, 9-17; cf Introd. ao Dt).*

*Por todo isto, a actividade de Xoel debe datarse entre o ano 625 e o 618, pois aínda non se notan os problemas que crea a reforma de Ioxías, e a desilusión pola pouca eficacia que tivo.*

# XOEL

**Título**

**1** [1]Palabra do Señor, que lle veu a Xoel, fillo de Petuel.

## I. A LITURXIA PENITENCIAL

### Chamada á participación litúrxica

[2] Escoitade isto, vós, os anciáns,
oídeo todos os gobernantes do país.
Sucedeu algo semellante
durante a vosa vida,
ou durante a vida de vosos pais?
[3]Contádellelo aos vosos fillos,
e vosos fillos a seus fillos,
e seus fillos á xeración seguinte.
[4]Aquilo que lle sobrou
á larva devoradora,
comeuno a lagosta que roe;
e o que lle sobrou á lagosta roedora,
comeuno o saltón voador,
e o que lle sobrou ao saltón voador,
comeuno a eiruga que destrúe.

[5]Espertade, borrachos,
e póndevos a chorar,
facede lamentacións,
todos os que bebedes viño,
por mor do viño novo,
pois quítasevos da boca.
[6]Velaí, un pobo sobe contra o meu país,
poderoso e incontable,
os seus dentes son dentes de león,
e ten poutas de leoa.
[7]Converteu a miña viña
nunha desolación,
e a miña figueira nun cango seco;
escascouna completamente
e botouna ao chan,
as súas vides quedaron brancas.

[8]Laméntate ti, coma virxe vestida de saco
polo marido da súa mocidade!
[9]Suprímase do templo do Señor
a ofrenda e a libación;
que fagan dó os sacerdotes,
servidores do Señor.
[10]O campo está arrasado,
a terra de cultivo está de loito.
Si, está arrasada a colleita,
os acios están secos,
resecan as oliveiras.

[11]Volvédevos resecos de tristura,
campesiños,
lamentádevos, vendimadores,
polo trigo e pola cebada,
pois perdeuse a colleita do campo.
[12]A viña está seca e a figueira murcha,
a milgranda, tamén a palmeira
e mais a maceira,
todas as árbores do campo
están murchas.
Si, secou a ledicia
dos fillos de Adán.

[13]Vestídevos para facer loito, sacerdotes,
facede lamentacións, servidores do altar.
Vinde pasar a noite vestidos de saco,

**1**, 1 O título da redacción é un dos poucos que aparece sen datación (como Abd, Xon, Hab e Mal). Sobre a data, cf Introd. O nome do profeta é iavista puro, pois significa "Iavé é El" = Iavé é divindade, e aparece en 1 Sam **8**, 2; 1 Cro **4**, 35; **5**, 4. 12; **6**, 18. 21; **7**, 3...

**1**, 2 A chamada de atención aparece no canto de Lámec (Xén **4**, 23), nos oráculos de xuízo condenatorio (Is **1**, 2. 10; **28**, 23; **33**, 9; Os **5**, 1), o mesmo ca nos salmos de lamentación colectiva (**17**, 1; **55**, 23; **61**, 2; **102**, 1-3).

**1**, 4 Dos catro nomes de saltóns, en hebreo soamente un é o xeneralizado; os outros parecen ser nomes do mesmo insecto nas súas fases de evolución; traducímolas completando co significado etimolóxico do nome hebreo.

**1**, 6 *Un pobo sobre*: debe ser o dos escitas, que veñen en plan de saqueo (cf Introd.); compáranse por isto co león e a leoa.

**1**, 7 *A viña* é un símbolo das riquezas e felicidade do pobo (cf 1 Re **5**, 5; Miq **4**, 4; Zac **3**, 10); por isto invítase ao pobo, coma a unha moza, a lamentarse e participar na liturxia penitencial polo Deus da Alianza, o marido da súa mocidade.

**1**, 8 "O vestido de saco" era feito de esparto (por isto empregamos o termo saco, coma os de esparto), ou dun material semellante e moi áspero, e púñase na liturxia penitencial pública.

**1**, 9 *A ofrenda* consistía en fariña (Lev **2**), e a libación en viño e aceite (Éx **29**, 28-42; Núm **28**, 34). Durante os días de lamentación colectiva non se realizaban sacrificios, e nin sequera a ofrenda e libación diaria.

Aquí a orde de supresión é expresión do xaxún polo desastre da lagosta e dos saqueos escitas.

**1**, 11-12 Invitación á participación penitencial dirixida aos campesiños, para expresaren a tristura por culpa do arraso das colleitas.

**1**, 13-14 Invitación dirixida aos sacerdotes, que son os que han de convocar o xaxún ou liturxia penitencial.

servidores do meu Deus,
porque a casa do Señor está privada
da ofrenda e mais da libación.
14 Decretade un período sacro de xaxún,
convocade a asemblea,
xuntade os anciáns,
a todos os que viven no país,
no templo do Señor, o voso Deus,
e pedídelle auxilios ao Señor.

**Texto da participación do profeta na liturxia penitencial. Lamentación e oración**

15 Ai dese día!
Si, xa está preto o día do Señor,
chega coma a ruína
que vén do Omnipotente.
16 Acaso de diante dos nosos ollos
non falta a comida
e do templo do noso Deus
a ledicia e mais a festa?

17 Murchou a semente
debaixo dos seus sucos;
están baleiras as arcas,
están no fondo as tullas do gran,
porque o trigo secou.
18 Como brúa o gando!
Como andan descarreirados
os fatos de vacas!
Si, non teñen quen as pastoree,
si, os fatos de ovellas perecen.
19 A ti, Señor, pídoche auxilio,
pois un lume consome
os pasteiros do monte,
e un incendio queima
as árbores do campo.
20 Mesmo as feras do campo
suspiran por ti,
pois están secos os regueiros de auga,
e o lume consome os pasteiros do monte.

**Chamada a unha nova liturxia penitencial polo día do Señor**

**2** 1 Tocade o corno en Sión,
dade a alarma no meu santo monte,
que estarrezan todos os habitantes do país,
pois chega o día do Señor.
Si, está preto
2 o día da escuridade e dos trebóns,
o día anubrado e de escuras nubes,
coma o Luceiro da Alba
estendido sobre as montañas,
forte, enorme e poderoso,
coma el non o houbo xamais,
e despois del non se volverá contar
no sucederse de xeracións en xeracións.
3 Diante del un lume devora,
detrás del un incendio consome.
Antes del o país era
coma un xardín de recreo,
despois del, un deserto desolado,
onde nin sequera haberá refugallo.
4 O seu aspecto é coma o dos cabalos,
que corren coma corceis.
5 Coma o zunido dos carros de guerra,
corren sobre os cumes dos montes,
coma o estalar do lume no incendio
que consome o restrollo,
coma un pobo poderoso,
preparado para a guerra.
6 Ante a súa presenza tremerán os pobos,
todos os rostros se xuntarán
ante esa maldición.
7 Pois soldados corren,
guerreiros agatuñan pola muralla;
cada un marcha polo seu camiño,
non dan rodeos as súas filas.
8 Ningún lle estorba ao seu compañeiro,
cada un dos soldados
vai polo seu camiño.
Aínda que sexa no medio de frechas,
non caerán, nin romperán a fila.

**1**, 14 *Decretade*: lit. "consagrade o xaxún". Este período sagrado tiña que se marcar ritualmente, pois non se podía profanar o santuario con toda a serie de impurezas físicas que alí concorrían.
**1**, 15-20 A intervención do profeta (ou sacerdote) tiña dúas partes: a lamentación ou descrición da calamidade presente (vv. 15-18); e a súplica *ao Señor*, na que, coma neste caso, se podía ampliar a descrición da calamidade (vv. 19-20).
**1**, 15 Aínda que o tema da lamentación é a seca provocada polos saltóns, a alusión ao día do Señor fai estender a lamentación ao período da catástrofe escita, que aínda será maior.
**2**, 1-11 O texto é unha nova chamada á penitencia por mor do día do Señor (v. 1), que se presenta nos vv. 2-3 baixo as imaxes dun día de negra escravitude, comparada na súa extensión co Luceiro da Alba = o Sol, poderoso e enorme, e cun incendio devastador; mentres que nos vv. 4-11 se presenta coma un exército terrible, no que vén o Señor para castigar. Parece que o autor pensa na invasión dos escitas (cf Introd.).
**2**, 2 *O Luceiro da Alba*. Os textos ugaríticos preséntano como fillo de El, a divindade suprema, e irmán de Xalim (= o crepúsculo). Trátase da divindade da Alba (= o Sol). Deste xeito, compréndese a imaxe do incendio (v. 3).
**2**, 7 A descrición é abondo detallada para considerala unha imaxe literaria. Hai que pensar nas estratexias de razzias dos escitas, que para o profeta son o exército de Iavé no seu día de castigo (v. 11). O profeta debeu coñecer estes feitos nas súas incursións pola costa filistea.

9 Asaltan a cidade, corren pola muralla,
soben ás casas,
entran coma ladróns polas fiestras.
10 Na súa presenza treme a terra,
estremécese o ceo,
o sol e mais a lúa escurecen,
as estrelas perden o seu resplandor.
11 Si, o Señor levanta a súa voz,
diante do seu exército.
Que enorme é o seu campamento!
Que poderoso é o exército
que cumpre o seu plan!
Que grande é o día do Señor
e enormemente terrible!
Quen o soportará?

**Oráculo acerca das esixencias da proximidade do día do Señor**

12 Pero agora –é o Señor quen fala–,
convertédevos a min de todo corazón,
con xaxún, con lágrimas e con loito.
13 Esgazade o voso corazón,
e non os vosos vestidos,
convertédevos ao Señor, voso Deus,
pois El é compasivo e misericordioso,
é indulxente e benévolo,
e ten compaixón da desgraza.
14 Quizais mude o seu xuízo,
e deixe tras de si a súa bendición,
a ofrenda e mais a libación,
para o Señor, o voso Deus.

**Continúa a chamada á participación na liturxia penitencial**

15 Tocade o corno en Sión,
dedicádelle un tempo sagrado ao xaxún,
convocade a asemblea.
16 Xuntade o pobo, consagrade a asemblea,
reunide os anciáns, xuntade os rapaces,
tamén os meniños de peito.
Que saia o marido do seu cuarto,
e a muller da súa alcoba.
17 Que choren entre o adro
e o altar os sacerdotes,
que digan os ministros do Señor:
"Perdóalle, Señor, ao teu pobo,
non entregues á burla a túa herdanza,
de xeito que a dominen pobos alleos.
Por que se vai dicir entre as nacións:
Onde está o seu Deus?".

**Oráculo de resposta á acollida da liturxia penitencial**

18 Entón ao Señor entráronlle
celos do seu país,
e perdoou ao seu pobo.
19 Respondeu o Señor
dicíndolle ao seu pobo:
Vouvos mandar trigo, mosto
e mais aceite novo
para que vos fartedes de todo iso,
e non vos volverei entregar para servir
de burla entre os pobos alleos,
20 senón que porei lonxe de vós
o inimigo do norte,
e botareino para un país reseco e deserto:
coa súa vangarda
cara ao mar do nacente,
e coa súa retagarda
cara ao mar do poñente;
subirá o seu fedor,
seguirá subindo a súa pestilencia,
xa que quixo facer grandes cousas.
21 Non teñas medo, terra de cultivo,
brinca de ledicia e alégrate,
pois o Señor fai grandes cousas.
22 Non teñades medo, feras do campo,
que abrollan os pasteiros da estepa.
Si, as árbores dan o seu froito,
e a figueira e mais a vide
agroman con forza.
23 Vós, fillos de Sión, brincade de alegría,
alegrádevos polo Señor, o voso Deus,
pois deuvos a chuvia:
conforme o seu compromiso,
mandouvos chuvia abundante;
a temperá e a serodia
coma noutros tempos.
24 As eiras énchense de trigo
e nos lagares reborda o mosto
e o aceite novo.
25 Así compénsovos polos anos
nos que as colleitas foron comestas
pola eiruga que roe, a voadora,
a que destrúe, e mais o saltón,
o meu grande exército,

**2**, 10 Estes sinais cósmicos son imaxes da presenza de Deus nos feitos históricos, como explica o v. 11.
**2**, 13 "Esgazar o corazón" significa deixar a un lado os plans, proxectos e sentimentos que o animan e poñer a confianza no Señor.
**2**, 16 O mesmo que todo o pobo padece ou padecerá a situación calamitosa do día do Señor, así todo el xaxúa, tamén os meniños de peito e mesmo os animais.
**2**, 19-20 Os feitos da praga e da ameaza escita deberon sucederse en dous anos; quizais esta sexa a razón histórica do desvío das razzias escitas cara ao país de Moab e ao de Edom ou ao de Siria. O fedor e pestilencia aluden á desaparición dos escitas, que consta por Heródoto.
**2**, 25 Aínda que aquí os saltóns se consideren un exército, isto non impide a interpretación do v. 20 como o exército ou bandas escitas (cf vv. 4-10. 17).

que mandei contra vós.
[26]Si, comeredes ata fartarvos,
e loaredes o Nome do Señor,
o voso Deus,
que actuou convosco facendo milagres;
deste xeito o meu pobo
non se avergonzará endexamais.
[27]Entón recoñeceredes
que eu estou no medio de Israel.
Si, eu, o Señor, o voso Deus,
e ninguén máis ca min;
e o meu pobo
non se avergonzará endexamais.

## II. O DÍA DO SEÑOR

### Tempo salvífico pola efusión do Espírito

**3** [1]Despois disto sucederá
que verterei o meu Espírito
sobre toda carne,
e os vosos fillos e mais as vosas fillas
converteranse en profetas.
Os vosos anciáns terán soños,
os vosos mozos verán visións.
[2]Tamén sobre os servos e mais as servas
verterei naqueles días o meu Espírito.
[3]Farei prodixios no ceo e mais na terra:
sangue, lume e columnas de fume.
[4]O sol cambiarase en escuridade
e a lúa en sangue,
ante a chegada do día do Señor,
do día grande e terrible.
[5]Pero sucederá que todo aquel
que invoque o nome do Señor se salvará,
pois no monte Sión e en Xerusalén
será dado o perdón
tal como o prometeu o Señor
e tamén para os fuxitivos
que chame o Señor.

### Tempo de xuízo contra as nacións

**4** [1]Si, velaí: naqueles días e naquel intre
cando eu cambie a sorte
de Xudá e Xerusalén,
[2]xuntarei a todas as nacións
e fareinas baixar ao val de Ioxafat
e unha vez alí, emprenderei
xuízos cos pobos,
por mor do meu pobo
e da miña herdanza, Israel,
a quen eles dispersaron entre as nacións.
Repartiron o meu país,
[3]e sortearon o meu pobo,
trocando un rapaz por unha prostituta,
vendendo unha rapaza por viño
para se emborrachar.
[4]E que é o que tiñades en contra miña,
Tiro e Sidón,
e todas as provincias da Filistea?
Quixestes levar a cabo
un desquite contra min?
Quixestes vós facerme algo?
Pois ben, dun golpe rápido farei volver

**3**, 1-5 A mensaxe deste oráculo salvífico consiste na promesa da efusión do espírito profético no día do Señor, considerado como momento salvífico. A situación histórica que deu ocasión a esta profecía debeu ser a reforma de Ioxías, no 622 (cf Introd.).
**3**, 1 *Verterei o meu Espírito*. Do Espírito de Deus, forza ou poder de penetración, dise no A. T. que Deus verte, pois o home tamén é espírito, e como tal ten a posibilidade de abrirse a outros espíritos, neste caso ao Espírito de Deus. *Sobre toda carne*. Carne é o home en canto capaz de pracer e dor, o home débil. A debilidade do home vese fortalecida e enriquecida coa forza do Espírito, que xorde da palabra profética. *Soños e visións* son formas clásicas de recepción da comunicación profética. Feit **2**, 17-21 interpreta á luz destas palabras o fenómeno de Pentecoste, vendo nel o cumprimento do anunciado por Xoel. En xeral podemos dicir que a historia de Xesús e os sucesos que a seguen son o cumprimento pleno destas palabras.
**3**, 3-5 Estes prodixios son sinais literarios da presenza teofánica de Deus, características do profetismo, e por isto son expresión concreta do día do Señor. A fe que suscitará a palabra profética e a invocación do nome do Señor traerán a salvación e o perdón.
**4**, 1-8 Este xuízo contra as nacións divídese en dúas partes: a) vv. 1-4: anuncio xeral do xuízo contra todas as nacións e a acusación: dispersar a Israel entre as nacións, repartirse o país e sortealo, o mesmo que facer intercambios con persoas. b) vv. 5-8: aínda que do mesmo estilo, concreta as nacións nas poboacións xentís da costa mediterránea: a Filistea, Tiro e Sidón, con acusacións máis concretas: roubos sacrílegos, venda de escravos.
**4**, 1 "O cambiar a sorte de" non implica necesariamente alusión á catividade, aínda que filoloxicamente se podería traducir: "Cando eu faga volver a catividade de Xudá e Xerusalén". De entendelo deste xeito, non se explica o v. 3. A sorte que cambia é a situación conseguinte ás razzias escitas.
**4**, 2 *O val de Ioxafat* non é un val xeográfico concreto, senón que ten valor teolóxico: o val de "Iavé que xulga". A identificación co val do Cedrón, a carón de Xerusalén, data do século IV d. C. Os xuízos celebrábanse ás portas das cidades, pero, para xulgar a todos os pobos, pénsase nun val. Israel aquí significa o reino do norte repartido entre os novos pobos que o veñen colonizando a partir da deportación asiria no 722, ou pode referirse á redución do territorio de Xudá (= Israel), con motivo da morte de Amón (a. 640), levada a cabo polos anti-asirios (2 Re **21**, 19ss).
**4**, 3 Estes intercambios de persoas compréndense mellor nas razzias escitas (cf Introd.).
**4**, 4 As referencias a Tiro, Sidón e a Filistea enténdense como lugar desde onde os escitas fan as súas incursións cos conseguintes roubos sacrílegos (v. 5).

os vosos feitos sobre as vosas cabezas.
5 Xa que me roubastes
o meu ouro e a miña prata,
e levastes para os vosos templos
os meus tesouros preciosos.
6 Xa que aos fillos de Xudá
e aos fillos de Xerusalén
os vendestes aos da Xonia,
para os afastar da súa terra.
7 Vede: eu vounos arrincar do lugar
onde vós os vendestes,
e farei volver os vosos feitos
sobre as vosas cabezas.
8 Os vosos fillos e mais as vosas fillas
vóullelos vender aos fillos de Xudá,
que llelos venderán aos xabeos,
un pobo remoto.
Si, díxoo o Señor.

**Comunicade este pregón entre os pobos:**

9 Declarade a guerra santa,
poñede en pé de guerra os soldados,
que se xunten e suban
todos os homes de guerra.
10 Batede na zafra as rellas
dos vosos arados,
para convertelas en espadas,
e as vosas podas
para convertelas en lanzas;
que o temeroso diga:
"Eu son un soldado valente".
11 Dádevos présa, saíde,
todas as nacións de arredor,
e xuntádevos alí:
Señor, fai baixar os teus valentes.
12 Espertade e subide, nacións,
ao val de Ioxafat
xa que alí vou sentar para xulgar
a todos os pobos veciños.
13 Botade a fouce,
que o gran xa está maduro;
vinde e pisade,
que a moxega xa está chea.
Facede rebordar as cubas,
que é grande a súa ruindade.
14 Xentíos e xentíos no val da Sentenza!
Si, está preto o día do Señor,
no val da Sentenza.
15 O sol e mais a lúa escurecen
esmorece o resplandor das estrelas.
16 O Señor brama desde Sión,
El lanza o seu berro desde Xerusalén:
tremen o ceo e mais a terra.
Pero El será refuxio para o seu pobo,
e fortaleza para os fillos de Israel:
17 así recoñeceredes
que eu son o Señor, o voso Deus,
que habita en Sión,
o monte de meu santuario,
e será Xerusalén un santuario,
por onde non volverán a pasar
estranxeiros.

**Conclusión: bendicións divinas para Xudá e desolación para as nacións inimigas**

18 E sucederá no día aquel:
os montes zumegarán mosto
e os outeiros deitarán leite;
todos os corgos de Xudá
deixarán correr a auga;

**4**, 6 A venda de escravos xudeus aos xónicos compréndese ben desde o suposto de incursións dos escitas, que reinaron vinte e cinco anos no centro de Asia Menor. Nas costas occidentais da mesma habitaron, segundo Heródoto, os xónicos.
**4**, 8 Conforme á Lei do Talión (Éx **21**, 25s), tamén os xudeus venderán os fillos de Tiro, Sidón e da Filistea aos xabeos, pobo do Sur de Arabia (Xob **6**, 19; Xer **6**, 20).
**4**, 9-17 Nesta guerra actúan, por unha parte, as nacións en plan de guerra santa (vv. 9-11a), e, por outra, os "valentes do Señor" (v. 11b). O Señor senta para xulgar os pobos do arredor (v. 12). Os imperativos do v. 13 diríxense aos valentes do Señor (cf v. 11), como instrumento de execución da sentenza contra as nacións. Os vv. 14-16 b son unha descrición do xuízo de Deus, vinculando diversos temas: o do día do Señor, o da sentenza de condenación e o da presenza do Señor no xuízo.
Os vv. 16c-17 serven de contraste cos anteriores, presentando a actitude protectora e auxiliadora de Deus co seu pobo.
**4**, 10 No día do Señor as actitudes paradisíacas de paz de Is **2**, 4; **11**, 6s inverteranse de parte das nacións na súa guerra santa contra o Señor.
**4**, 13 A seitura e a vendima son imaxes do xuízo de Deus, e a esmagadura das uvas con desbordante mosto simboliza o castigo divino (Is **17**, 5; **63**, 1-6; Mc **4**, 29; Ap **14**, 14-20).
**4**, 14 *Sentenza* enténdese de condenación: é outro nome teolóxico para cualificar o xuízo de Deus. O mesmo termo (*harus*) significa fallo xudicial e tamén trillo dentado, que é imaxe do castigo divino. Nótese como Xoel volve á concepción do día do Señor que tiñan os destinatarios de Amós: de castigo para os pagáns e de bendición para o pobo de Deus.
**4**, 15 Estes fenómenos astronómicos son sinais da chegada do castigo divino. Do mesmo xeito que o cosmos mostra a teofanía salvífica con sinais luminosos, así tamén mostra a súa manifestación para castigar con escuridade.
**4**, 16-17 Reaparece o tema de Xerusalén e do templo (introducido no v. 11b, ao falar dos valentes do Señor, que El fai baixar de Xerusalén para executar o seu castigo). Nótese o carácter de oráculo salvífico do v. 17.
**4**, 18-21 Esta conclusión é un engadido postexílico ao oráculo do v. 17, onde se concreta a protección divina sobre Sión e Xudá nunhas imaxes de auga abundante, que producirá fartura de mosto e leite (cf Os **2**, 24s; **14**, 6-8; Am **9**, 13). Alúdese claramente ao postexilio no v. 20.
**4**, 18 *Mimosas*. Os LXX traduciron "xuncos", por influxo de Ez **47**. Quizais este sentido non sexa alleo a Xl, por cadrar mellor coa abundante auga.

unha fonte sairá da casa do Señor,
e verterá a súa auga
no río das Mimosas.
[19]Exipto volverase unha desolación,
Edom volverase un ermo asolado,
a causa da opresión
contra os fillos de Xudá,
por verteren sangue inocente no país.
[20]Xudá estará habitada para sempre,
e Xerusalén por xeracións e xeracións.
[21]Vingareime do sangue daqueles,
certo que o farei.
Si, eu o Señor,
que habita en Sión.

**4**, 19 *No país*. Outros traducen "no seu país", por paralelismo con "os fillos de Xudá".

# INTRODUCIÓN A AMÓS

## 1. Tempo e lugar da actividade de Amós

*Por entre o concerto unísono e triunfal das fazañas reais (2 Re **14**, 15), as grandes celebracións relixiosas (Am **4**, 4ss; **5**, 5ss. 21ss), o luxo das construcións e nivel de vida (**6**, 1ss), a fachenda dos militares (**6**, 13s), as voces falangueiras das donas ricas (**4**, 1ss) da sociedade acomodada da Samaria do século VIII a. C., érguese senlleira e tráxica a voz dun agoireiro de desfeita (que anuncia o "día de Iavé"), o máis antigo dos profetas que nos deixaron escrita a súa obra.*

*Amós naceu en Técoa, lugar próximo a Belén. Non descendía de profetas (7, 14), nin era pobre: era gandeiro e cultivador de froitos do sicómoro. Formado na sabedoría do clan (cf 2 Sam **14**, 2) e bo coñecedor das nacións veciñas, sente no seu espírito a necesidade de anunciar a palabra de Iavé ao Reino do Norte.*

*Sucede isto arredor do ano 760 a. C. nos tempos de Ieroboam II, nunha época de expansión territorial e de auxe mercantil de Israel (cf 2 Re **14**, 23-29).*

## 2. Problemática e destinatarios da palabra profética

*Naquela situación conviven os logreiros e acumuladores de terras e edificacións (**3**, 15) cos pequenos propietarios desposuídos e reducidos á mendicidade (2 Re **14**, 26). Ao converter o rendemento e o proveito persoal na base do éxito, bendito polas instancias relixiosas, afóndense no esquecemento as institucións seculares iavistas coma o dereito común da terra, a igualdade diante do tribunal das portas (**5**, 10), e a prohibición de reducir á escravitude a un membro da comunidade de Israel (**2**, 6).*

*Naquela situación, diríxese Amós a un público moi diverso, constituído por gobernantes delegados estranxeiros, e pobo raso, reunido para asistir ás solemnidades relixioso-estatais. Lugares probables das súas prédicas e oráculos son a capital do estado Samaria e o templo de Betel.*

## 3. A composición do libro

*A súa actividade debeu durar arredor dun ano. Mais as súas punxentes palabras perduraron na lembranza dun grupo de discípulos adeptos, sendo conservadas e posteriormente comentadas en épocas diversas, ata a redacción dos derradeiros fragmentos do libro, no século VI.*

*O libro de Amós non é unitario, nin escrito dun pulo. O método morfocrítico e o estudo da linguaxe teolóxica empregada nas diversas partes, permiten hoxe descubrir unha chea de formas literarias, de unidades maiores e de adaptacións redaccionais de tempos máis tardíos.*

*Poden ser palabras de Amós a meirande parte dos oráculos dos capítulos **3-6**, o ciclo das visións sobre Israel (**7**, 1-8; **8**, 1-2; **9**, 1-4), e unha parte do ciclo das nacións (cc. **1-2**). Obra dos discípulos ou seguidores poden ser no mesmo século VII o título do libro (**1**, 1), a interpelación do sumo sacerdote Amasías (**7**, 10-17) e os fragmentos **8**, 4-7. 8-14; **9**, 7-10, agás pequenos retoques nos que se mostra un interese biográfico ou unha considerable preocupación polo culto.*

*No século VII, coa centralización do culto por orde de Ioxías (cf 2 Re **23**) e a conseguinte destrución dos vellos santuarios, cobraron de novo actualidade as palabras do profeta sobre Betel, e con elas a elaboración da teoloxía sobre a fin do templo (**3**, 14b; **5**, 5b. 6). Poida que a introdución de tipo homilético (**4**, 6-12) e os fragmentos de himno, de claro tallo deuteronómico, espallados polo libro (**4**, 13; **5**, 8-9; **8**, 8; **9**, 5-6), se deban a esta etapa.*

*Con posterioridade, a vivencia do exilio e a teoloxía da historia que fan os deuteronomistas, provocan a inclusión dos ditos contra Xudá, Tiro e Edom (**1**, 9-12; **2**, 4ss), referencia ás tradicións do deserto (**2**, 10), e outros textos que reflicten o interese pola profecía (**2**, 11. 12; **3**, 7).*

*Finalmente, unha voz postexílica xulgou que o castigo non fora a derradeira palabra de Iavé, e engadiu, no século VI, a palabra de salvación que lemos en **9**, 11-15, e probablemente corrixiu **5**, 22a, dado o auxe que acadaron os sacrificios no templo restaurado.*

## 4. Xénero literario da obra

*Amós empregou para a transmisión da súa mensaxe xéneros adaptados aos modos de expresión máis solemnes e populares do seu tempo. Para a comunicación do aviso de castigo implacable de parte de Iavé, usou do modelo diplomático das cartas e tratados dos soberanos de dúas nacións (cf "así di N.*

*e N."; "así dixo N."), enmarcando dese xeito os anuncios e pormenores do Xuízo divino. Outro módulo é a versión dunha testemuña presencial das decisións dun consello ou dunha autoridade ("Escoitade esta palabra..."). De orixe literaria son as narracións das visións; de escola sapiencial, as preguntas didácticas, os ditos numéricos, os xogos verbais; finalmente, son formas os laios e os Ais ou maldicións, así como moitas das imaxes de caza, sementeira e seitura.*

## 5. Mensaxe teolóxica

*Nestas últimas enmárcase un reproche tan duro como verdadeiro: a desigualdade social e a inxustiza acabaron coa pureza do iavismo ata o punto de quedar reducido ao meramente cúltico e hipócrita. Iavé non é un Deus de celebracións baldeiras de sentido, senón o revelador en favor da irmandade e da igualdade. Israel rematou a súa historia como pobo de Iavé. A idea do "resto", tal como se mostra no libro, non ten en boca de Amós o significado de pequeno grupo recuperable e portador da promesa que terá máis adiante; senón que polo contrario, reflicte a redución a un mínimo grupo daqueles que, pouco antes, se consideraban un pobo numeroso (cf* ***6****, 9-11).*

*Nunha versión universalista de novo cuño, Israel vén equiparado aos demais pobos, sexa en canto obxecto da providencia de Iavé (cf* ***9****, 7), sexa no castigo, se cabe máis duro ca o doutros pobos, pois meirande era a súa responsabilidade (cc.* ***1-2****). Nos dous primeiros cc. de Amós queda claro que, para Iavé, o futuro de Israel e o das nacións xentís dependerá da propia actitude fronte aos asoballados da terra, de xeito que a verdadeira fidelidade a Deus se mide pola defensa do dereito e da xustiza (cf* ***5****, 12-15): velaquí o valor permanente da mensaxe de Amós.*

# AMÓS

**1** [1]Palabras de Amós, que pertenceu ao gremio dos pastores de Técoa, do que viu no
tocante a Israel en tempos de Ozías, rei de
Xudá, e en tempos de Ieroboam, fillo de Ioax,
rei de Israel, dous anos antes do terremoto.
[2]Velaquí o que dixo:
Brama Iavé desde Sión,
desde Xerusalén ergue a súa voz
e murchan os pasteiros dos pastores,
seca o cumio do Carmelo.

[3] Así di Iavé:
Por causa de tres delitos de Damasco
e mais por catro, non me hei domear:
Por mallar co mallo de ferro a Galaad,
[4]heille meter lume ao casal de Hazael,
que engulipe os pazos de Ben-Hadad.
[5]Quebrarei os ferrollos de Damasco,
exterminarei o soberano
do val de Vans
e o que leva o cetro de Vila Leda
e o pobo de Aram será
deportado a Quir,
–dixo Iavé–.

[6] Así di Iavé:
Por causa de tres delitos de Gaza
e mais por catro, non me hei dobregar:
Por facer deportacións masivas
para entregalas a Edom,
[7]heille meter lume á muralla de Gaza
ata que engulipe os seus pazos.
[8]Exterminarei o soberano de Axdod
e o que leva o cetro de Axquelón,
tornarei a miña man contra Ecrón
e o resto dos filisteos perecerá,
–dixo o meu Señor Iavé–.

[9] Así di Iavé:
Por causa de tres delitos de Tiro

**1**, 1-2 Os dous primeiros versos presentan o título e a época do libro, e o nome e a orixe de Amós, ao tempo que indican, nunha síntese dos oráculos, posterior a eles, o motivo fundamental de todo o libro (v. 2). É probable que o título orixinal encabezase soamente a colección dos cc. **3**-**6**, e que consistise no texto: "Palabras de Amós de Técoa; o que viu tocante a Israel, dous anos antes do terremoto". A versión actual sería obra dos discípulos do profeta, que verían no terremoto o cumprimento do seu anuncio. A inclusión dos reis de Xudá pódese deber a unha relectura do texto para ese reino, o que supón un acrecentamento posterior, probablemente da época deuteronomista. Amós vén caracterizado como "noqued", pastor propietario (citando libremente **7**, 14).
*Quirbet Técoa*: 17 km ao S de Xerusalén.
**1**, 3-**2**, 16: Ciclo dos oráculos contra as nacións.
O autor enmarca unha serie de xuízos condenatorios contra as nacións veciñas, que rematan co oráculo contra Israel. O número dos oráculos, no texto actual, é de oito, pero orixinalmente foran cinco (contra Damasco, Gaza, Amón, Moab e Israel), como se deduce do carácter repetitivo dos oráculos de Tiro e Edom (**1**, 9-10. 11-12) e da brevidade e sentido teolóxico do de Xudá (**2**, 4-5). Engadiuse ademais, nun segundo momento, o "Ciclo das visións" (**7**, 1-8; **8**, 1-2; **9**, 1-4). A estrutura é común a todos eles, con pequenas variantes: un dito numérico (de orixe sapiencial, mais empregado aquí literariamente), encabeza a acusación, á que segue a promesa de castigo: todo isto enmarcado pola fórmula do mensaxeiro. Téñense procurado paralelos a estes ditos nos "textos de execración" exipcios, pero máis ben poden ter de fondo cerimonias rituais de maldición israelitas. Con anterioridade a Amós, a maldición dos pobos inimigos non fora estraña entre os profetas no contexto da guerra santa, mais o clímax de **2**, 6-16 supón a inauguración dunha "profecía de xuízo", insospeitada ata daquela.
**1**, 3-5 No tempo inmediatamente anterior ao do profeta Amós, o reino arameo de Damasco disputáralle a Israel, con toda crueldade, a zona de Galaad, ao L do Xordán (cf 2 Re **10**, 32s). Hazael, fundador da dinastía damascena (842-806 a. C.) e Ben-Hadad (cf 2 Re **8,** 12) quedaron como prototipos dos soberanos arameos.
*Os ferrollos* fan alusión á pechadura con trabe de ferro da porta da muralla exterior das cidades. Traducimos por val de Vans "Bicat-Aven" (= val de pecados, val de vaidade), e por Vila Leda o nome "Bet-Eden". O primeiro nome xoga co nome auténtico dun val; mentres que o segundo, alude a algunha cidadela real empregada para o descanso. "Quir" era, na tradición, o lugar de orixe dos devanceiros dos arameos (cf **9**, 7), o que supón que o castigo os fará retroceder na historia ao seu comezo, ata desapareceren.
**1**, 6-8 *Os filisteos*, representados no título pola cidade de Gaza, son os destinatarios dunha acusación de delitos contra a humanidade, dos que se constata a deportación en masa dunha poboación con ánimo de lucro, para a venda de escravos. As cidades-estado filisteas (das que non se cita Gat) tiñan un goberno persoal de "xuíces", rexedores e caudillos militares; ao morreren eles, derrubaríase a estrutura da confederación dos "Pobos do mar", asentados na costa mediterránea.
**1**, 9-10. 11-12 Os dous oráculos contra Tiro e Edom (como máis adiante o de Xudá, en **2**, 4-5), diferéncianse dos demais pola ausencia do "dixo Iavé" final, e mais pola brevidade, ambigüidade e fixeza das acusacións e promesa de castigo. Son obra dunha man que, en época posterior (probablemente na metade do s. VI, tras a caída de Xudá e do exilio), recorda o comportamento colaboracionista deses dous países veciños. **1**, 3b. 6b e 13b parece que serviron como base para a redacción dos oráculos. O "pacto de fraternidade" (v. 9) e a "persecución do irmán" (v. 11) aluden ao título de irmán co que se nomeaba ao contraente dun pacto estatal entre monarcas de pobos veciños e do mesmo poder. Ez **26**-**28** e **35**, 5s son testemuños da xenreira que os hebreos gardaban contra estas nacións traidoras aos pactos xurados. *Temán* a rexión central, e *Bósrah* a capital do deserto edomita, sufrirán os efectos do castigo.

e mais por catro, non me hei domear:
Por entregar deportacións
masivas a Edom
esquecendo o pacto de fraternidade,
10 heille meter lume á muralla de Tiro
ata que engulipe os seus pazos.

11 Así di Iavé:
Por causa de tres delitos de Edom
e mais por catro, non hei transixir:
Por perseguir a seu irmán coa espada
e matar sen compaixón,
porque a súa carraxe depreda sen acougo
e mantense a cotío a súa ira,
12 heille meter lume a Temán,
que engulipe os pazos de Bosrah.
13 Así di Iavé:
Por causa de tres delitos dos amonitas
e mais por catro, non me hei dobregar:
Por fender o ventre das embarazadas
de Galaad
co gallo de ampliar as súas fronteiras,
14 heille meter lume á muralla de Rabah
ata que engulipe os seus pazos
entre o ouvear do día da batalla
e o balbordo do día da galerna,
15 e o seu rei partirá deportado,
el xunto cos seus ministros,
–dixo Iavé–.

**2** 1 Así di Iavé:
Por causa de tres delitos de Moab
e mais por catro, non me hei domear:
Por queimar os ósos do rei de Edom
ata volvelos cal,
2 heille meter lume a Moab
ata que engulipe os pazos de Queriiot,
e morrerá con estrondo Moab
entre o balbordo, ao son do corno;
3 exterminarei do seu medio o gobernante
e xunto con el matarei
a todos os seus ministros,
–dixo Iavé–.

4 Así di Iavé:
Por causa de tres delitos de Xudá
e mais por catro, non hei ceder.
Por rexeitar a lei de Iavé
e non observar os seus mandatos,
xa que os seus falsos deuses
os extraviaron,
eses tras os que xa correran seus pais,
5 heille meter lume a Xudá
ata que engulipe os pazos de Xerusalén.

6 Así di Iavé:
Por causa de tres delitos de Israel
e mais por catro, non me hei domear:
Por venderen o honrado por diñeiro

**1**, 13-15 "Os nómades da Transxordania", con capital en Rabah ("a Grande", a actual Amán), son censurados igualmente por crimes de lesa humanidade, cometidos durante as razzias expansionistas á procura do cobizado altiplano de Galaad (cf **1**, 3).
**2**, 1-3 O delito de Moab supón unha profanación gravísima para a sensibilidade do tempo: a cremación dun cadáver e o probable emprego dos ósos para facer cal, eran un insulto degradante para unha nación, personificada no seu rei.
**2**, 4-5 O oráculo contra Xudá non enumera crimes contra os homes, senón transgresións ético-relixiosas. A referencia a Iavé en terceira persoa salienta tamén a diferenza deste dito con relación aos oráculos orixinais de Amós. *Falsos deuses* (lit. "mentiras"), expresión de fondo significado na obra histórica deuteronomista, na que están redactados estes versos. A fin predita xa chegara a Xudá cando se redactaba este oráculo (cf 2 Re **25**, 9).
**2**, 6-16 A invectiva contra Israel, orixinal de Amós (fóra dos vv.10-12 e pequenos retoques), abrangue os versos 6-9 e 13-16, mostrando o carácter definitivo e concluínte que xoga no ciclo dos oráculos contra as nacións. A estrutura varía ao introducir despois da acusación (vv. 6-8) a contraposición cos beneficios recibidos de Iavé (v. 9), á que segue un anuncio de castigo máis pormenorizado que nas unidades anteriores (vv. 13-16). Os crimes detallados non son xa de "dereito internacional", senón de orde social: 1) venda de necesitados como escravos (ás veces como compensación de débedas impagadas, algunha delas ridículas, coma un par de sandalias); 2) asoballamento dos pobres; 3) transgresión das leis do incesto (cf Lev **18**) ou de relacións sexuais desarregradas (cf Dt **22** e **23**); 4) a utilización das prendas de débeda, deixadas en depósito, valor sagrado que non se podía tocar (Éx **22**, 25; Dt **24**, 12s). De feito os versos 7c-8 sufriron pequenos axustes, quizais recollendo motivos ou palabras de Oseas (cf **4**, 14), polo que o texto actual parece aludir á prostitución sagrada dos cultos da fertilidade, coa que as rapazas casadeiras ofrendaban a súa virxindade nos templos, para asegurar a fecundidade no matrimonio. Ese uso non só era rexeitado eticamente polo iavismo, senón que supuña unha implícita idolatría (pois no iavismo a fecundidade é unha bendición de Iavé Xén **1**, 28, non secuela dun rito máxico).
O v. 9 relembra a "graza da conquista" (cf Núm **13**, 28). Os vv. 10-12 difiren dos de Amós polo seu estilo homilético, por estar escritos en prosa, e polo punto de interese, que é o da escola deuteronomista (insiste nos temas do Éxodo e do deserto, temas que non se atopan en Amós). Certo que o v. 12b pode moi ben estar a relembrar unha lectura de **7**, 16. *Os nazireos* (separados, abstinentes) eran homes consagrados a Iavé por votos, probablemente reminiscentes da época do deserto (considerada como a época máis pura do iavismo). Non cortaban a barba nin o pelo, e non bebían viño (cf Núm **6**; Xuí **13**, 16).
Os vv. 13-16, promesa de castigo, teñen como fondo a descrición do terremoto, que inutiliza a forza guerreira (no v. 15 alúdese á técnica do carro de guerra, cunha dotación de dous homes, condutor e arqueiro); o cabalo daquela aínda non era empregado singularmente para cabalgalo.
*Oráculo de Iavé* (v. 16) é unha formulación tirada dos antigos oráculos sacerdotais nos santuarios. Amós empréga con frecuencia no remate dos ditos divinos, para conferirlles solemnidade e transcendencia. Na teoloxía deuteronomista volverá a empregarse con profusión.

e o necesitado pola débeda
dun par de sandalias.
[7]Refregan contra o po
a cabeza dos mendigos
e desviaron o vieiro dos pobres;
pai e fillo xúntanse coa mesma moza
para profanar o meu santo nome;
[8]cobren o leito con roupas
collidas en prenda
a carón dun altar calquera,
beben viño cos cartos requisados
no templo do seu deus.
[9]Cando fora eu o que exterminara
por causa deles os amorreos,
que eran altos coma cedros
e fortes coma carballos,
destruíndo o seu froito por riba
e as súas raiceiras por baixo.
[10]Eu fixenvos subir desde o país de Exipto
guiándovos pola estepa corenta anos
para darvos en posesión
a terra dos amorreos;
[11]fixen xurdir profetas
de entre os vosos fillos
e nazireos de entre os vosos mozos,
non si, israelitas? –oráculo de Iavé–.
[12]E vós, en troques,
fixestes beber viño aos nazireos
e ordenastes aos profetas:
Non profeticedes!
[13]Pois, velaquí, eu vou facer regos
no chan debaixo vosa
coma os que fai un carro
ateigado de monllos.
[14]Daquela non vai poder fuxir o áxil,
nin a forza sosterá ao forte
nin o soldado de vangarda salvará a vida;
[15]o arqueiro non se vai ter en pé,
o de pés lixeiros non escapará
nin o que vai de a cabalo salvará a vida;
[16]o máis valente de entre os paladíns
fuxirá espido naquel día
–oráculo de Iavé.

**3** [1]Escoitade esta palabra que Iavé pronuncia contra vós, israelitas, contra toda a caste que fixen subir do país de Exipto:
[2]Só a vós vos escollín
de entre as familias da terra,
por iso vouvos pedir contas
de todas as vosas maldades.

[3]Camiñarán dous xuntos
se antes non se deron cita?
[4]Bramará o león no mato
se aínda non ten a presa?
Ergue a voz o leonciño
desde a súa cova
se aínda non cazou?
[5]Cae o paxaro por terra
se non o alcanzou a trapela?
Salta a rede do chan
se non pillou nada?
[6]Tócase a trompeta na vila
sen que o pobo se altere?;
pasa unha desgraza na vila
sen que Iavé a cause?
[7]Abofé que o Señor Iavé nada fai
sen descubrir o seu propósito
aos seus servos, os profetas.
[8]Berrou o león: quen non tremerá?;
falou o Señor Iavé:
quen non profetizará?

[9]Pregoádeo nos pazos de Axdod e nos pazos do país de Exipto. Dicide: "Xuntádevos sobre os montes de Samaria e contemplade a confusión enorme que nela impera e os asoballados no medio dela".

**3**, 1-2 Este breve dito testemuñal debeu ser o comezo dalgunha advertencia, ou a síntese dunha colección de oráculos. Tal como hoxe o atopamos é unha chamada á responsabilidade, polo feito da elección, o que relembra o dito evanxélico de Lc **12**, 48. A referencia a Exipto (v. 1) pode ser un engadido da redacción deuteronomista (cf **2**, 10). A chamada de atención (v. 1), típica dos sabios, queda matizada polo ton xudicial. O v. 2 supón o dominio de Iavé sobre todos os pobos da terra.
**3**, 3-8 A cadea de preguntas formaba parte da metodoloxía escolar sapiencial, e intentaba suxerir unha analoxía de natureza ou comportamento. Aquí Amós empréga a retoricamente, para saír ao paso dunha disputa: probablemente os seus inimigos se burlaban del ou desconfiaban da súa lexitimación como profeta, xa que non pertencía ao gremio (cf **7**, 14). O clímax do v. 8 subliña a forza da chamada de Deus, que tamén mostra noutras vocacións proféticas e acredita contra todos os ataques (cf Xer **20**, 7-9; **23**, 18-22; 1 Cor **9**, 16s). Os temas das comparacións están sacados da sabedoría dos pastores e mais de experiencias cidadás (o v. 5 b pode aludir a un aparello empregado na caza de aves e testemuñado pola arqueoloxía). O v. 7 é secundario, dado o seu estilo prosaico e mentalidade deuteronomista, e comenta o texto previo xa completo (cf linguaxe semellante en 2 Re **17**, 13. 23).
**3**, 9-11 Unha declaración de xuízo de Deus vai introducida pola convocatoria aos representantes das potencias estranxeiras, testemuñas dos feitos relatados. Os filisteos, representados pola cidade de Axdod (non "Asur"), e os exipcios, contemplan a vista de paxaro a cidade, na que rexe a ausencia de paz, a loita constante e a opresión de todo costume social. Os pazos non son máis ca monumentos ao roubo e ao asasinato (v. 10). O lugar da opresión será o lugar do castigo, descrito aquí como invasión dun inimigo descoñecido e devastador (v. 11).

10 Non saben obrar rectamente
–oráculo de Iavé–.
Atesouran violencia e rapina
nos seus pazos.
11 Por iso así di o Señor Iavé:
Un inimigo vai cercar o país,
vai abater a túa fortaleza
e vai asolar os teus pazos.
12 Así di Iavé:
Como salva o pastor das fauces do león
dúas patas ou un anaco de orella,
dese xeito hanse salvar os israelitas
que moran en Samaria,
coma un pé de diván
ou un cabezal de leito.
13 Escoitade e sede as miñas testemuñas
contra a casa de Xacob,
–oráculo do Señor Iavé,
Deus dos Exércitos–.
14 Pois o día no que eu faga contas
con Israel polos seus delitos,
hei de pasar tamén revista
aos altares de Betel;
daquela serán tronzados
os cornos do altar
e caerán por terra.
15 Derrubarei a residencia de inverno
xunto coa residencia de verán
hanse arruinar as casas de almafí,
afundiranse innumerables construcións,
–oráculo de Iavé.

**4** 1 Escoitade esta palabra, vacas de Baxán
que morades sobre o monte de Samaria,
as que asoballades os necesitados,
as que esfolades os pobres,
mentres lles dicides aos vosos maridos:
"Botádenos de beber!".
2 Xurou o Señor Iavé pola súa santidade:
Havos chegar o tempo
no que vos arrastren con adivais
e o resto de vós con garfos.
3 Teredes que saír polas gretas
tirando cara adiante,
para serdes levadas ás partes do Hermón,
–oráculo de Iavé–.
4 Ide en romaría a Betel para pecar,
ou a Guilgal, e amoreade delitos;
levade de mañá os sacrificios
e ao día terceiro os vosos décimos.
5 Queimade parte do levedado
en acción de grazas,
anunciade ben alto
as ofrendas voluntarias

**3**, 12 O tema do saqueo (v. 11) atrae outro pequeno oráculo, dirixido contra a clase acomodada do país. O residuo recuperable das grandes construcións serán partes mínimas do mobiliario de moda, os diváns de banquete e os leitos estrados luxosamente. A comparanza faise cunha imaxe de dereito pastoril: o pastor que coida do gando alleo, se cadra que unha fera mata unha res, ten que presentar algo do corpo da vítima para demostrar que loitou por ela e non ter así que aboar o seu prezo (cf Éx **22**, 12).
**3**, 13-15 A fórmula solemne de convocatoria de testemuñas serve de cadro a un oráculo de destrución dun pobo orgulloso polas súas edificacións, santuario e vilas decoradas con luxo requintado, en especial as vilas de verán (cf 1 Re **21**, 1. 18; **22**, 39). O título do v. 13 b "Deus dos Exércitos", provén seguramente do contexto da guerra santa, e semella introducido neste lugar con posterioridade. O mesmo se diga da referencia a Betel (v. 14), que pode datar do tempo de Ioxías (cf 2 Re **23**, 15. 17).
Os "cornos do altar" eran as catro esquinas saíntes, e gozaban do dereito de asilo (cf 1 Re **1**, 50). A expresión oracular remata a peza literaria (e posiblemente o c., desde o v. 3) como colección de oráculos do comezo da misión de Amós.
**4**, 1-3 A cidade de Samaria convértese en escenario dunha nova declaración de xuízo, encamiñada agora contra as donas da alta sociedade. *Vacas de Baxán*: é como dicir entre nós, vacas suízas. *Baxán* era unha zona do leste do Xordán, cunha altitude de 500 m, famosa polo seu gando (cf Ez **39**, 18). As mulleres ricas, ben mantidas, nugallás, esixentes cos maridos, saen responsables do asoballamento dos pobres (cf Is **3**, 16-24). O seu castigo será a deportación sen remedio nin volta (cf **5**, 27; **6**, 7; **7**, 11. 17) alén do Hermón (150 km ao N, derradeiro enclave desde o que se pode contemplar a terra de Israel).
**4**, 4-13 Esta perícope é unha unidade artificiosa, feita de materiais diversos: unha parodia da Torah sacerdotal (vv. 4-5), unha reconvención en cinco seccións (vv. 6-11) e un fragmento hímnico (v. 13), precedido dun verso de transición (v. 12).
A parodia inicial pode proceder do mesmo Amós, dada a súa incisividade polémica. Arremeda as Instrucións que os sacerdotes daban nos seus santuarios como resposta a unha indagación ou convocatoria a un deber. A ironía xoga coa proclamación da peregrinación a un lugar santo e coa finalidade desa peregrinación. *Betel* 40 km ao S de Samaria, era o templo nacional. *Guilgal*, un dos primeiros lugares sagrados desde o tempo da conquista, estaba situado 30 km ao SL, a carón do Xordán.
A reconvención recolle temas das pragas e toca o motivo da chamada á conversión e o conseguinte endurecemento de Israel. A redacción é da escola deuteronómica de carácter homilético e, desde logo, posterior a Amós; podería corresponder a unha prédica da liturxia de despois da destrución de Betel. Sobre as pragas do campo (v. 9), cf Dt **28**, 22; 1 Re **8**, 37; 2 Cro **6**, 28. A *peste* (v. 10) rememora a praga de Éx **9**, 3-7. O v. 11 alude á caída de Samaria, no 722/21 a. C. A comparanza con Sodoma e Gomorra é tópico común para casos políticos (cf Is **13**, 19; Xer **50**, 40). Sobre o Himno (v. 13), cómpre dicir que se trata do fragmento dun salmo dedicado ao Deus Creador; a súa situación vital sería litúrxica. A semellanza con **5**, 8s e **9**, 5s (quizais tamén haxa que incluír **8**, 8) fai pensar nunha peza única, espallada como remate parcial por diversas seccións do libro. Na actual situación fai función de loanza ao Xuíz xusto, polo que toda a composición **4**, 4-13 adquire un matiz explícito de denuncia contra unha relixión falsificada: os israelitas adoran o que lles peta (vv. 4-5), non recoñecen o Deus liberador (vv. 6-11) e, polo tanto terán que se encarar con El (vv. 12-13).

xa que así vos peta, israelitas
–oráculo do Señor Iavé–.
6 Eu, da miña banda,
déravos dentes limpos
en todas as vosas vilas
e carencia de pan
en todos os vosos casais,
mais non volvestes a min
–oráculo de Iavé–.
7 Denegueivos a chuvia
cando faltaban aínda tres meses
para a colleita,
fixen que chovese
nunha vila si e noutra non;
unha leira foi regada
e outra, onde non choveu, murchou.
8 Dúas vilas e ata tres foron a tombos
ata a veciña por beber auga,
mais non se deron saciado
e aínda así non volvestes a min,
–oráculo de Iavé–.
9 Ferinvos co caruncho e coa mera,
mandei a seca aos vosos hortos e viñas;
as vosas figueiras e oliveiras
comeunas o saltón,
mais non volvestes a min
–oráculo de Iavé–.
10 Mandei sobre vós unha peste
semellante á de Exipto,
pasei pola espada os vosos mozos
ao tempo que capturaban
os vosos cabalos,
fixen subir aos vosos narices
o fedor do campamento,
mais non volvestes a min
–oráculo de Iavé–.
11 Derrubeivos como derrubara Deus
a Sodoma e Gomorra
e quedastes coma muxica
saída dun incendio,
mais non volvestes a min
–oráculo de Iavé–.
12 Por iso voute tratar deste xeito, Israel;
e porque te vou tratar así
apréstate para o encontro co teu Deus.
13 Pois olla:
Quen moldeou os montes
e creou o vento,
quen lle descobre ao home
o que está a matinar,
quen fai o abrente e mais as tebras,
quen camiña sobre os lombos da terra,
Iavé, Deus dos Exércitos, é o seu nome.

**5** 1 Escoitade esta palabra, este pranto que
eu entoo contra vós, casal de Israel:
2 Caeu, non rexurdirá, a doncela de Israel, ti-
rada polo seu propio chan, non haberá quen a
erga; 3 pois así di o Señor Iavé:
Vila que recrutou un milleiro,
recupera cen,
e a que recrutou cen, recupera dez.
4 Pois así di Iavé ao casal de Israel:
Buscádeme e viviredes.
5 Non busquedes a Betel,
non vaiades a Guilgal,
non vos acheguedes a Beerxeba,
pois Guilgal ha de ir deportada
e Betel quedará en nada.
6 Procurade a Iavé e viviredes,
non vaia dar o lume no casal de Xosé
e o engulipe e ninguén o apague
por causa de Betel.
7 Ai dos que trocan o dereito en asentes
e botan polo chan a xustiza!
8 Foi El quen fixo as Pléiadas e o Orión,
quen muda as tebras en abrente
e escurece o día en noite,
quen convoca as augas do mar
e as verte sobre a superficie da terra:
Iavé é o seu nome.

9 Quen dispón a desfeita contra o forte,
chegando o saqueo ata a cidadela.
10 Odian ao fiscal no tribunal,
rexeitan a quen dá testemuño cumprido.

**5**, 1-17 Nova unidade literaria, composta de pequenas pezas ás que se uniron interpretacións posteriores. Nos vv. 1-3, a chamada a escoitar introduce un canto mortuorio (v. 2 no ritmo da "quínah", metro típico do pranto por un morto) ao que se xunta o oráculo sobre o exército decimado (v. 3). *Doncela de Israel* é un colectivo clásico para designar a nacionalidade; a mocidade e a virxindade están a significar a imperfección da vida que aínda non acadou a plenitude e a fecundidade.

**5**, 4-6 Unha amoestación polémica dirixida ao pobo retorce o sentido da convocatoria sacerdotal de atender ás grandes festividades nacionais (cf **4**, 4-5), converténdoa en crítica ao culto. A referencia a Beerxeba, santuario do reino do sur do deserto do Négueb, débese a unha man posterior, probablemente aos discípulos de Amós. O v. 6 é unha esexese do tempo de Ioxías contra o santuario de Betel. O v. 5 xoga coas palabras dun xeito retranqueiro (Guilgal ha de ir deportada: "Guilgal galoh iigleh"; Betel quedará en nada: ao pé da letra, "Casa de Deus será Casa do baldeiro".

**5**, 7 Comeza un membro dunha pequena serie de "ais" fúnebres (os outros atópanse en **5**, 18 e **6**, 1). Este v. enlaza mellor, conforme o sentido, co v. 10, polo que os vv. 8 e 9 semellarán fóra de lugar.

A protesta recollida nos vv. 7 e 10 érguese contra os que fan imposible a xustiza dos tribunais impedindo a función do patrucio que dá o veredicto na xuntanza á porta da vila e mais a das testemuñas cabais.

11 Por iso:
Xa que esmagades os foros do pobre
e lle esixides tributos de trigo,
se construístes pazos de perpiaño
non os habitaredes,
se plantastes viñas farturentas
non beberedes do seu viño.
12 Ben sei eu dos vosos innumerables delitos
e dos vosos enormes pecados,
asoballadores do honrado,
aceptadores de suborno,
que torcedes o dereito do pobre
no tribunal.
13 Por iso o asisado cala neste tempo
pois é un tempo cativo.
14 Buscade o ben e non o mal
de xeito que vivades
e Iavé, o Deus dos Exércitos,
quedará convosco, segundo dicides.
15 Rexeitade o mal, amade o ben,
que impere o dereito nos tribunais;
quizais se considere, Iavé,
Deus dos Exércitos, do resto de Xosé.
16 Por iso así di Iavé,
Deus dos Exércitos, o Señor:
En todas as prazas, loito,
en todas as rúas berran: Ai, ai!
Chaman ao xornaleiro para o laio
e para o pranto ás carpideiras
17 e en todas as viñas haberá loito
cando eu pase por medio de ti,
–dixo Iavé–.
18 Ai daqueles que devecen
polo día de Iavé!
Que vai significar para vós
o día de Iavé?
Vai ser tebra; non vai ser luz.
19 Vai ser coma cando foxe un do león
e vai dar co oso;
logra aínda chegar á casa,
apoia a man na parede,
e mórdeo a cóbrega.
20 Non vai ser acaso tebra
o día de Iavé e non luz?
Abofé que o seu é a escuridade
e non a claridade!
21 Aborrezo e rexeito as vosas festas,
non soporto o cheiro das vosas liturxias
22 (se non é cando me ofrendades
holocaustos)
as vosas oblacións non me alegran,
o banquete sacrificial dos vosos xatos
nin o vexo.
23 Arreda de min a charanga
dos teus cantos!
Non estou para escoitar músicas
das túas arpas.
24 O dereito é o que ten que fluír coma auga
e a xustiza coma manancial perenne.
25 Acaso ofrecestes sacrificios e ofrendas
no deserto durante os corenta anos,
casal de Israel?
26 Levabades daquela a Sicut o voso rei
e a Kiiún, imaxes vosas,
a estrela dos vosos deuses,
fabricados por vós mesmos?
27 Eu si, eu vouvos levar deportados
alén de Damasco,
–dixo Iavé, que ten por nome
Deus dos Exércitos.

**6** 1 Malia os que viven no lecer en Sión,
os despreocupados
no monte de Samaria,

**5**, 11-17 O v. 11 presenta unha declaración de castigo, e os vv. 12. 16-17 compoñen unha palabra de xuízo que retorna ao tema da inxustiza nos tribunais e ameaza co castigo. Quizais o tema da xustiza e a mención das viñas atraese os dous oráculos (7. 10-11 e 12. 16-17). Unha man posterior probablemente un discípulo do profeta que vivía a realidade dos efectos do castigo, escribiu a frase sapiencial do v. 13, sacando despois as consecuencias éticas de tal experiencia (vv. 14-15). No estado actual, estes versos interrompen o segundo oráculo.
**5**, 18-20 O segundo Ai introduce unha pregunta didáctica que intenta abanear a falsa seguridade dos israelitas. O "día de Iavé", na mentalidade israelita, era o día da intervención milagreira a favor do pobo elixido. Amós nega esa interpretación e confírmaa cun exemplo (v. 19), no que cada paso dun home que intenta fuxir o afonde aínda máis na desgraza: tal é, segundo el, a futura sorte do pobo.
**5**, 21-27 Apoiándose noutra forma litúrxica, e retorcendo a resposta do sacerdote ao recoller as ofrendas, o oráculo arremete contra un culto non correspondido cunha vida xusta (vv. 21-24). As ofrendas, o banquete, e danza sacra, semellan pertencer a algunha das grandes festividades, quizais á da colleita, ao inicio do outono. Tanto máis fortemente queda salientada a alienación relixiosa que supoñen accións en aberta contradición coa praxe social. O v. 22a, "se non é cando me ofrendades holocaustos", ten o aspecto dunha glosa posterior ao exilio, unha vez restaurado o templo. Outro glosador, da escola deuteronómica, introduciu os vv. 25-27, nos que se alude a deidades astrais veneradas nos tempos da ocupación asiria, o que loxicamente xa supón a caída do reino. Os versos subliñan a ausencia de culto de santuarios no tempo idealizado de peregrinación polo deserto.
**6**, 1-7 O terceiro Ai transfórmase en acusación contra as camadas dirixentes de Israel que viven no luxo e na despreocupación temeraria. O profeta, na súa reconvención en nome de Iavé, bótalles en cara a súa vida de esmorga e a soberbia do seu proceder (vv. 4-6), rematando nunha ironía punxente: coidades ser as primicias das nacións (cf v. 1), e ides ser os primeiros dos deportados (v. 7). Os discípulos de Amós puideron xa constatar a realidade dos feitos e, na mesma liña do seu mestre, engadiron as comparanzas do v. 2: *Calno*, no norte da Siria, fora atacada por Teglatpeléser III no 738; *Gat*, da Filistea, na campaña costeira do 734. Samaria, que rexeitara a pré-

a elite das primicias das nacións
aos que acode a xente de Israel!
[2]Ide ata Calno e ollade,
de alí pasade ao Gran Hamat,
baixade despois a Gat dos filisteos.
Valedes vós máis ca eses reinos?
É meirande o voso territorio?
[3]Intentan arredar o día funesto
favorecendo o dominio da violencia,
[4]déitanse en leitos de marfil,
lacazanean nas súas camas,
xantando os carneiros do rabaño
e os xatos sacados da corte.
[5]Cantarexan ao son da arpa
e, coma David, inventan instrumentos.
[6]Beben viño nas grandes copas
e únxense coa esencia dos perfumes,
mais a desfeita de Xosé non os deprime.
[7]Por iso agora van partir para o exilio
á cabeza dos deportados,
pois rematou a esmorga dos nugalláns,
–oráculo de Iavé,
Deus dos Exércitos–.

[8]Xurou o Señor Iavé por si mesmo: Dáme noxo a prepotencia de Xacob, aborrezo os seus pazos e vou entregar a cidade e canto a enche; [9]e se nunha casa quedan dez homes, morrerán tamén; [10]e cando alguén leve un parente ou achegado para sacar da casa os ósos, diralle a quen anda polo recuncho da peza: "Quédache aínda alguén?"; e responderalle: "Ninguén". Entón aquel dirá: "Cala!" (pois non se debe amentar o nome de Iavé). [11]Porque velaquí o que Iavé ten decretado: Reducirá a casa grande a entullo e a casa pequena a faragullas.

[12]Galopan os cabalos polos penedos
ou árase con bois o mar?
Pois vós trocades o dereito en pezoña
e o froito da xustiza en asentes.

[13]Os que se alegran por Lo Debar e din: "Non conquistamos Carnaim coas nosas forzas?". [14]Velaquí, vou facer xurdir contra vós, casal de Israel –oráculo de Iavé, Deus dos Exércitos–, un pobo que vos asoballe desde Lebó-Hamat ata o torrente do Arabah.

**7** [1]Velaquí o que me fixo ver
o meu Señor Iavé:
Estaba un a criar saltóns
cando comezaba a agromar a herba tardía
(esta é a herba tardía que vén despois
da sega do rei);
[2]e cando xa estaban para rillar a rentes
toda a herba do chan, dixen eu:
–Meu Señor Iavé, perdoa por favor;
como se vai manter Xacob
que é tan pequeno?
[3]Iavé arrepentiuse diso:
–Non sucederá tal –dixo Iavé.

[4]Velaquí o que me fixo ver
o meu Señor Iavé:
Estaba un a convocar un trebón de lume
que engulipa o grande océano abisal
e cando xa estaba queimada a agra,
[5]dixen eu:
–Meu Señor Iavé, detente, por favor;
como se vai manter Xacob
que é tan pequeno?
[6]Iavé arrepentiuse diso:

dica de Amós, proseguía a crerse privilexiada entre os demais pobos. Unha man deuteronomista introduciu no v. 1 a mención de Sión, alongando a ameaza ata o reino de Xudá. As palabras *Oráculo de Iavé, Deus dos Exércitos*, aparecen no texto hebreo no v. 8, interrompendo o sentido. No texto proposto, van ao remate do v. 7, que é o seu lugar.

**6**, 8-11 O xuramento de Iavé por si mesmo (cf **4**, 2) é o máximo compromiso co que, nunha declaración xudicial, se decide a caída da cidade (v. 8). O oráculo leva emparellado un pequeno relato no que se describe con viveza o desastre provocado por un terremoto ou invasión (vv. 9-11). A escena arrepiante da recollida de cadáveres pódese deber a unha testemuña presencial e, certamente, aos discípulos de Amós. O tempo da desfeita (da ausencia de "Xalom") impide a proclamación do Nome Santo (v. 10). O v. 11 corrobora a destrución total (coa polaridade "grande-pequeno").

**6**, 12 A pregunta retórica, da escola sapiencial, refire casos de imposibilidade. A argumentación en paralelo salienta a imaxe da orde natural destruída e arrombada por culpa dos prepotentes.

**6**, 13-14 O oráculo semella incompleto ao comezo, e parece dirixido aos que festexan vitorias pírricas, probablemente aos militares do estado expansionista de Israel. *Lo Debar* (= non-nada) e *Carnaim* (= dous cornos) refírense a nomes de pequenos lugares tomados en campañas contra os arameos e amonitas (cf Xos **13**, 26 e 2 Sam **9**, 4-5). Lebó-Hamat (no norte) e o *torrente do Arabah* (no deserto do sur do Mar Morto) presentábanse como fronteiras nos tempos gloriosos de Israel (cf 2 Re **14**, 25).

**7**, 1-9 Con este c. encétase unha serie de cinco relatos que orixinalmente deberon compoñer un "Ciclo das visións". Todas elas (**7**, 1-3. 4-6. 7-9; **8**, 1-3; e **9**, 1-4) están escritas en forma autobiográfica e supoñen a experiencia persoal do profeta na procura do perdón para o pobo. Hai visións de acontecementos (**7**, 1-3. 4-6; **9**, 1-4); visións simbólicas (**7**, 7-9); e de xogos verbais, (**8**, 1-3).

**7**, 1-3 Unha figura misteriosa prepara de entrada a primeira praga tradicional: os saltóns (cf Xl **1**, 4), que consumirán o derradeiro pasto do ano. Un glosista engadiu (v. 1d) a precisión de tempo: despois da sega que se debe por foro ao rei (cf 1 Re **18**, 5). O castigo aprázase en razón da intercesión (cf Éx **32**).

**7**, 4-6 Coa mesma estrutura da anterior, preséntase nestes versos a praga da seca: o sol, coma lume, vai deixar sen auga as grandes veas subterráneas e, en consecuencia, vai matar a agra. Iavé déixase convencer, e desiste.

–Tampouco non sucederá, –dixo
o meu Señor Iavé.

7 Velaquí o que me fixo ver
o meu Señor Iavé:
Estaba un a carón dun muro
e tiña unha chumbada na man.
8 E Iavé preguntoume: –Que ves ti, Amós?
–Unha chumbada –respondín.
E díxome entón o meu Señor:
–Velaquí: vou botar a chumbada
no medio do meu pobo Israel.
Non lles vou transixir máis.
9 Serán arrasados os altos de Isaac.
Os santuarios de Israel serán destruídos,
vou atacar coa espada a caste de Ieroboam.

10 Daquela, Amasías, sacerdote de Betel, mandou recado a Ieroboam rei de Israel, dicíndolle: "Amós está a conspirar contra ti no medio e medio do casal de Israel; o país xa non pode aturar por máis tempo as cousas que di. 11 Pois di que Ieroboam vai morrer a espada e Israel será deportado de certo da súa terra".

12 Despois díxolle Amasías a Amós: –Vidente, vaite, fuxe para a terra de Xudá; come alí o teu pan, fai alí de profeta, 13 mais en Betel non volvas profetiza pois é santuario real, é templo nacional.

14 Respondeu Amós e díxolle a Amasías: –Nin eu son profeta, nin da caste dos profetas, xa que son gandeiro e coidador de sicómoros, 15 mais foi Iavé quen me colleu de tras a grea e foi Iavé quen me dixo: "Vai profetizar ao meu pobo Israel". 16 E agora escoita a palabra de Iavé: Ti dis: "Non profetices contra Israel, non fagas agoiros contra o casal de Isaac"; 17 pois velaquí o que di Iavé: A túa muller fará de prostituta en plena vila; sobre os teus fillos e fillas caerá a espada; as túas leiras partillaranse á liña, ti mesmo irás morrer en terra impura e Israel vai ser deportado dos seus eidos.

**8** 1 Velaquí o que me fixo ver
o meu Señor Iavé:
Velaquí unha canastra
de froitos madurecidos;
2 e preguntoume: –Que ves ti, Amós?
Eu respondinlle: –Unha canastra
de froitos madurecidos.
Entón díxome Iavé:
–Madureceu á fin o meu pobo Israel,
xa non lle vou pasar máis por alto.
3 Naquel día laiaranse
as cantantes do pazo
–oráculo do meu Señor Iavé–,
amorearanse os cadáveres
que esparexerán
por todos os lugares ás caladas.

4 Escoitade isto, vós que asoballades o pobre e exterminades a xente humilde do país;
5 vós que dicides: "Cando pasará o festivo da

**7**, 7- 9 Iavé (o personaxe misterioso) vai comprobar se o muro se pode manter ou hai que derrubalo. O desenvolvemento desta visión cambia a forma literaria, que se troca en pregunta case catequética (v. 8). O remate do verso inclúe unha ameaza inminente que se puido ver cumprida, ao tempo que serve de transición para a sección seguinte.

**7**, 10-17 O relato incluído nestes versos procede dun contemporáneo de Amós, testemuña dos acontecementos cos que quedaba ilustrada a derradeira etapa das intervencións do profeta. A narración ten paralelos na vida doutros "mensaxeiros de castigo" (cf Xer **20**, 11ss; **29**, 26), polo que se conclúe que a súa proclamación ética non deixou de ter repercusións socio-políticas. Os vv. 14-15 recollen o testemuño dunha vocación persoal, contraposta ao ministerio de oficio dos "fillos de profeta", agrupacións máis estables e articuladas de vida e actividade relixiosa, xurdidas normalmente no seguimento dun gran carismático (Eliseo: cf 2 Re **4-5**). O novo profeta, chamado por Iavé, non o é de por vida nin está ligado a un determinado santuario por unha función cúltica: xorde do pobo, para levar unha mensaxe concreta nun momento histórico. A mensaxe de Amós atinxe, con todo o peso da palabra proferida como maldición, ao reino de Ieroboam (cf 2 Re **15**, 10), ao pobo (destrución de Samaria polos asirios) e ao sacerdote implicado na política do poder inxusto (vv. 16-17).

**8**, 1-3 Tras a interrupción narrativa, segue a cuarta visión do ciclo iniciado en **7**, 1. Trátase dun xogo coas palabras "Qaiis" (= froitos do outono ou da fin do verán) e "Qes" (= final, remate), posiblemente pronunciadas de forma semellante naquel tempo.

*As cantantes do pazo* (heb. "xirot") son as "cantoras" das festas cortesás, non as do templo (cf 2 Sam **19**, 36; Ecl **2**, 8), pois "Hekal" (en sumerio "gran casa") designaba toda a edificación do pazo, que certamente incluía as dependencias relixiosas no mesmo corpo de construción.

**8**, 4-14 Unha serie de cinco ditos de diversa forma e de distinta época xúntanse na temática común da predición da fin e do xuízo de Iavé.

Os vv. 4-7 son unha referencia testemuñal do decreto de Deus (v. 7). O profeta pon por fundamento dese decreto final a ambición e a fraude dunha mentalidade mercantilista opresora. Traspoñemos o v. 6c para despois do 5b, por ofreceren alí un sentido máis completo.

A *medida* e o *prezo*, no texto orixinal, son o "efah" (para líquidos e gran), e o "siclo". O delito da venda no día de sábado reléMbrano Neh **13**, 15-22 e Xer **17**, 21-27. A *balanza falsa* era tema constante de amoestacións sapienciais (cf Pr **11**, 1; **16**, 11; **20**, 10. 23), e xa se atopa nas máis antigas instrucións exipcias. Sobre a escravitude en compensación das débedas (v. 6), cf **2**, 6. Cómpre traducir no v. 7, "soberbia de Xacob" e non "orgullo de Xacob" ou "gloria de Xacob" como se fose un título divino, pois Amós insiste neste defecto e non deixa de mostrar, ao facelo, unha fonda ironía.

O v. 8, quizais de influxo hímnico, recolle con pregunta retórica o rebelarse da natureza no "día de Iavé". De fondo, pode estar a visión do terremoto.

lúa nova para vendermos o trigo e o sábado
para fornecer o gran traficando ata co salvado, para minguar a medida, aumentar o prezo
e defraudar con balanza falsa, 6para mercarmos por diñeiro o mendigo e o pobre pola
débeda dun par de sandalias?". 7Xura Iavé
pola soberbia de Xacob: Endexamais non esquecerei os seus delitos.
8Non haberá de tremer a terra por isto
e levar loito cantos nela moran?
Hase erguer toda coma o Nilo,
ha tremer e mirrar
coma a corrente de Exipto!
9Sucederá naquel día
–oráculo do meu Señor Iavé–,
farei que o sol se poña ao mediodía
e entebrecerei o país en pleno día,
10trocarei as vosas festas en loito;
todas as vosas cántigas en laios;
cinguirei todos os lombos de saco,
deixarei toda cabeza rapada,
vouno dispor coma o pranto
polo vinculeiro
e o remate vai ser
coma o dun día amargado.
11Velaquí chegan os días
–oráculo do meu Señor Iavé–
nos que vou mandar a fame ao país;
non fame de pan nin sede de auga,
senón de escoitar a palabra de Iavé.
12Vagarán de mar a mar,
andarán do norte ao leste
á procura da palabra de Iavé
e non a atoparán.
13Naquel día esmorecerán de sede
as rapazas belidas e mais os mozos,
14os que facían xuramento
polo delito de Samaria
dicindo:
"Por vida do teu Deus, Dan",
e "por vida da verea de Beerxeba";
caerán, e xa non se han erguer máis.

**9** 1Vin o meu Señor en pé sobre o altar,
que batía nos capiteis
facendo tremer os gonzos, e dixo:
Vou quebrar as cabezas de todos eles
e o resto vouno atravesar coa espada;
non haberá de entre eles
fuxitivo que fuxa
nin escapado que escape.
2Aínda que furen deica o xeol,
de alí quitaraos a miña man;
aínda que suban deica o ceo,
de alí fareinos baixar;
3aínda que entoben no cumio do Carmelo,
alí os descubrirei e os pillarei;
aínda que se agachen
da miña ollada no fondo do mar,
alí mandarei a serpe que os morda;
4aínda que saian deportados
diante dos seus inimigos
darei orde á espada de que os fenda;
pois vou pousar os meus ollos sobre eles
para desfeita, non para ben.
5Pois o meu Señor é Iavé dos Exércitos
que se El toca a terra, esta derrétese
e fan loito cantos nela moran,
xa que se ergue toda coma o Nilo
e mirra coma a corrente de Exipto,
6que edificou no ceo o seu solio
asentando na terra a bóveda celeste,
que chama as augas do mar
e as esparexe sobre a superficie da terra:
Iavé é o seu nome.

7Non sodes acaso vós para min
como cuxitas,

**8**, 9-10 Outro dito de desgraza que se refire aos efectos dunha eclipse (a tebra era imaxe do caos). En tempos próximos a Amós producíranse algunhas na Palestina: unha total (no 784); e outra parcial (no 763). De novo xoga con imaxes de dó e morte sentida. Sobre os usos do loito por un achegado, cf Xén **37**, 34.
**8**, 11-12 Oráculo teolóxico, centrado na Palabra de Iavé, ao estilo da predicación deuteronómica (cf Dt **8**, 3; **30**, 15s; **32**, 47) e, como tal, posterior ao tempo de Amós. Como **2**, 4; **2**, 11s e outros, semella ser un comentario posterior que procura aclarar o sentido profundo e tráxico dos oráculos precedentes.
**8**, 13-14 Esta pincelada dramática da fin débese probablemente aos discípulos de Amós, espectadores da desfeita. Os xuramentos citados refírense a unha imaxe idolátrica venerada no templo nacional de Betel (cf Os **8**, 5s). Acerca de *Dan*, cf 1 Re **12**, 28s.
**9**, 1-6 A quinta visión, que pecha o ciclo, acentúa o anuncio do final tráxico: ninguén se salvará. O centro da visión constitúe un feito e acción simbólica (v. 1). O acontecemento final (terremoto?) afecta en primeiro lugar ao santuario; despois, de maneira enfática, a outras falsas esperanzas de salvación, que provocan o estar afastados (v. 2) ou estar entobados (v. 3) ou ir camiño do exilio (v. 4). Nada de estar liberados dos axentes xusticeiros de Iavé, que pescuda todo e fai actuar ata aos monstros mariños (v. 3). Iavé é un Deus universal presente ata en terra allea e no desterro (v. 4).
**9**, 5-6 Estes vv. son parte do salmo xa citado en **4**, 13 e **5**, 8. Quizais estean aquí por un intento de loanza a Deus pola xustiza e poder dos seus xuízos. Os comentadores coidan que foron introducidos cando a destrución de Betel, no tempo do rei Ioxías (s. VII a. C.).
**9**, 7-10 A visión precedente e a súa drástica afirmación de castigo contra Israel tiveron que causar perplexidades nun pobo que veneraba a Iavé no seu culto como Deus nacional. A serie de "palabras de Iavé" que compoñen estes versos (vv. 7. 8. 9-10) parecen comentar ou discutir a quinta visión cun xeito universalista e cun concepto de culpa moral novos. Os "cuxitas" (nubios ou negros do

fillos de Israel? oráculo de Iavé.
Non fixen eu subir a Israel
do país de Exipto
coma aos filisteos de Kaftor
e a Aram de Quir?
[8]Velaquí os ollos do meu Señor Iavé
que se volven contra o reino pecador:
Vouno exterminar
de sobre a face da terra,
mais non quero aniquilar
o casal de Xacob, –oráculo de Iavé–.
[9]Velaquí: dou orde de abalar
de entre todos os pobos o casal de Israel
como se abala a peneira,
sen que caia ao chan unha pedriña.
[10]Pola espada van perecer
todos os pecadores do meu pobo,
os que din: "Non nos atinxirá,
non chegará ata nós a desfeita".

[11]Naquel día erguerei a tenda
derrubada de David,
repararei as súas fendas,
restaurarei as ruínas
e reconstruireina
coma nos tempos antigos,
[12]para que se apropien do resto de Edom
e de todos os pobos
sobre os que se proclamou o meu nome,
–oráculo de Iavé– que fai tales cousas.
[13]Velaquí veñen os días
–oráculo de Iavé–
nos que o arador enlazará co segador
e o que pisa a uva con quen sementa,
e os montes destilarán mosto
e todos os outeiros se derreterán.
[14]Daquela repatriarei ao meu pobo Israel,
reconstruirán as vilas devastadas
e habitaranas,
plantarán vides e beberanlles o viño,
traballarán leiras
e comeranlles os froitos:
[15]vounos eu plantar no seu terreo
para nunca máis seren arrincados
da súa terra, a que eu lles dera:
dixo Iavé, o teu Deus.

sur de Exipto, os máis afastados habitantes da terra naquel tempo), os filisteos (tirados de Kaftor= Creta), e os sirios (proto-inimigos do reino do norte), foran tamén efecto de condución providencial por parte de Iavé. A liberación de Exipto non é, desde logo, base de privilexios. No v. 8, os discípulos de Amós comentan a destrución de Samaria que lles tocara vivir. Recoñecen a caída do Reino do Norte, pero non a do casal de Xacob, a caída de toda a poboación. Da relectura deste dato, e non das citas anteriores da palabra "resto", puido xurdir a teoloxía dun residuo fiel.

Os vv. 9-10 comentan o xuízo purificador que supón o castigo divino, contra a falsa seguridade de Israel. *Entre todos os pobos* (v. 9) é un acrecentamento posterior, que xa coñece a vivencia do exilio.

**9**, 11-15 O ton de toda a profecía de Amós e da dos seus discípulos foi unha mensaxe de infortunio, non aliviado pola máis mínima esperanza: a historia de Israel en canto pobo de Iavé chegara ao seu remate. A desfeita ocorreu como estaba previsto: Samaria caeu, e con ela o reino; despois seguiría Xudá. Mais a xustiza vingadora non foi a derradeira palabra de Iavé: houbo un retorno de parte dos deportados; estábase a traballar na reconstrución dos muros de Xerusalén, e a esperanza de volver construír o templo facíase presente. Nese espírito, o libro de Amós non podía rematar cos oráculos de desfeita total. Unha profecía de novo estilo fixo escribir (como aconteceu con Xl **4**, 18) unha declaración de salvación futura: máis aló da fin está a restauración por graza de Iavé. O pensamento xudeu apareceu na referencia a David (v. 11) e na xenreira contra o "irmán traidor", Edom (v. 12). Iavé reclama o seu dereito de propiedade sobre o pobo, a quen toca coa súa man na historia. O oráculo dos vv. 13-15, retrucando a Amós **5**, 11, fai unha descrición de fartura e "Xalom" que rememora a Ez **47**, 12 e Xl **4**, 1. 19ss. Deus fai a promesa, baseado na fidelidade da súa palabra. E ofrécelle así unha vez máis ao seu pobo a luz da esperanza.

# INTRODUCIÓN A ABDÍAS

## 1. O texto de Abdías

*A crítica histórica e literaria moderna non se pon de acordo no tocante a este libro dun só capítulo con 21 versículos. O desacordo afecta tanto ao número das unidades que o compoñen (oito ou cinco) como ás mans que elaboraron o rolo profético de Abdías.*

*Algúns críticos, querendo ver nos versículos 15a. 16-18 e 19-21 un texto escatolóxico próximo case á apocalíptica, esquecen o feito de que os temas teolóxicos que nel se desenvolven están xa presentes nas tradicións proféticas dos séculos VIII e VII: o día do Señor (de castigo para as nacións e de triunfo e salvación para Xudá), e o reino do Señor. A lectura deste texto con mentalidade escatolóxico-apocalíptica do período persa e helenístico, sería unha negación implícita da capacidade de elaboración teolóxica por parte do profeta, que contaba coas tradicións do Éxodo, e con tradicións proféticas que se remontaban ata o século VIII.*

*Por outra banda, o tema de Edom cobre todas as unidades que os críticos queren espallar a través da historia. Finalmente, o hebreo que emprega, clásico e limpo de arameísmos, aconsellan unha consideración unitaria do texto.*

## 2. Edom e os edomitas

*Os edomitas, descendentes de Esaú e, polo tanto, irmáns de raza dos hebreos, vólvense sedentarios no século XIII, ocupando a banda oriental das montañas de Arabah. O seu sedentarismo non exclúe unha serie de contactos comerciais co mundo dos beduínos (nabateos), o mesmo ca unha serie de tensións con Xudá, interesada polo paso ao golfo de Aqaba e ás minas desta zona xeográfica, mentres que os edomitas intentaban ocupar as terras fértiles da parte do monte Hermón. Estas tensións edomitas afloran na crise monárquica de Xudá (anos 640-627), co magnicidio de Amón e coa minoría de idade de Ioxías, e cobran nova virulencia na crise xudía dos anos 600 ao 582. Os edomitas están entón ao lado dos invasores babilonios, como consta por Sal **137**, 7; Xer **39**, 7-22; Ez **25**, 12, o mesmo ca por Abd 1-15. Esta traizón entre irmáns foi o que provocou a reacción profética de Abdías, acudindo á antiga tradición de irmandade de pobos, o mesmo ca a tradición de Xudá (Israel) como pobo elixido por Iavé e destinado por El ao triunfo.*

*A indignada reacción de Abdías débese a que os edomitas non só axudaron aos babilonios contra Xudá, senón que, ao non repoboar os babilonios as vilas dos deportados, ocupan eles o territorio de Xudá.*

*Neste desprazamento da poboación edomita e nestes intereses de migración cara ao poñente, inflúen tamén os seus contactos cos beduínos, que como lei xeral acaban por destruír o sedentarismo ou o obrigan a emigrar despois de espolialo. Os devanditos beduínos son os nabateos que atopan en Petra os gregos no ano 312, pero que deberon facer presión sobre Edom desde o ano 500. Este desprazamento de Edom dará como resultado a Idumea dos gregos.*

## 3. O profeta e a súa mensaxe

*O texto bíblico soamente nos dá o nome do profeta: "Abdías" (en hebreo "Obadíah"), un nome teofórico iavista, que significa "O servidor de Iavé". Fáltanlle ao texto a filiación e as referencias sobre o tempo da súa actividade, datos que se ofrecen na maior parte dos libros proféticos. Con todo, certas referencias históricas pódense deducir do texto, pois os versículos 1-9 aluden sen dúbida ás infiltracións e opresión dos nabateos, acontecidas durante os anos 500, sen que poidamos concluír máis do estudo do texto. Tendo en conta o texto paralelo de Xer **49**, 7-22, podemos afirmar que o profeta Abdías viviu no primeiro cuarto do século VI.*

*O profeta descobre a causa do enraizamento de Edom nas súas montañas na súa participación na destrución de Xerusalén, canda os babilonios (vv. 10-15); polo tanto a destrución de Xerusalén xa acontecera, e as súas circunstancias non son fáciles de esquecer, cousa que nos confirma na hipótese da data proposta.*

*Os versículos 16-18 son unha mensaxe de esperanza, dirixida a Xudá, a un reino desfeito despois das deportacións. A teoloxía xudía, relembrando a elección de Xacob (= Xudá + Israel) e de Sión, agarda o momento da ira do Señor contra os pobos por culpa da destrución de Sión. Chegará o tempo da vinganza sobre Edom, que xa se está realizando coa sedentarización dos nabateos. O texto parece dar pé ao apoio aos campesiños que*

*quedaron en Xudá, na súa oposición a Edom, colaborando cos nabateos. Isto non parece a primeira vista moi aceptable, pero non deixa de selo, se temos en conta que a poboación edomita se está implantando na zona sur de Xudá, en Hebrón e na súa comarca. Que Abdías animase a poboación a esta oposición contra os edomitas e presentase a súa acción como obra da vinganza de Deus contra os pobos agresores, é o que se pode esperar dun profeta de Xudá, herdeiro das tradicións nacionalistas de Xudá e Israel.*

# ABDÍAS

**Oráculo introdutorio de castigo**

1 Visión de Abdías.
Así lle di a Edom o meu Señor, Iavé:
Oímos unha mensaxe da parte do Señor,
un mensaxeiro
que foi enviado ás nacións:
"Arriba! Poñámonos en pé de guerra
contra Edom!".

**Oráculo de castigo contra Edom**

2 Velaí: Convértote
no máis pequeno dos pobos,
e ben desprezable serás ti,
3 pois seduciute o orgullo
dos teus propósitos.
Edom mora no refuxio da Pedra,
vive na altura pensando
para os seus adentros:
"Quen me fará baixar ao abismo?".
4 Pois aínda que subas coma unha aguia,
e poñas o teu niño entre as estrelas,
fareite baixar de alá,
–é o Señor quen fala.

**Ruína de Edom a mans dos seus aliados**

5 Se entrasen en ti ladróns,
non che roubarían
todo o que lles é preciso?
Se che entrasen os salteadores da noite,
non serías totalmente destruída?
Se entrasen en ti os vendimadores,
non che deixarían sen un acio?
6 Como son pescudados
os descendentes de Esaú,
e rebuscados os seus tesouros!
7 Fante recuar ata a túa fronteira
todos os homes
que fixeron alianza contigo,
engánante e pódenche;
a xente que goza en paz
da túa fartura devórate,
pon lazos debaixo de ti.
Non hai en Edom
nin miga de intelixencia!

**Causas desta ruína: a soberbia e a traizón aos seus irmáns**

8 Pero o día aquel
–é o Señor quen fala–
acaso non farei desaparecer
os sabios de Edom,
e a intelixencia da montaña de Esaú?
9 Estarrecerán os teus valentes, Temán,
desaparecerán todos
da montaña de Esaú.
Por causa do asasinato
10 e da violencia
contra o teu irmán, Xacob,
a vergonza cubrirate
e desaparecerás para sempre.
11 O día en que lle mantiñas
a súa oposición,
cando estranxeiros levaban
cativo o seu exército,
e cando estraños entraban
polas súas portas
e botaban sortes sobre Xerusalén,
tamén ti eras coma un deles.

1 *Abdías*. Literalmente habería que transcribir "Obadíah": cf Introd. 3.
*Visión*. O termo arameizante "hazón" significa literalmente visión; pero na literatura profética perde os matices visuais, para significar a comunicación recibida polo profeta, e equivale a "profecía".
*Oímos*. O plural parece incluír entre os destinatarios da comunicación a máis individuos ca o profeta. Quizais se trate do profeta e do seu pobo, que son convidados a loitar contra Edom.
3 *Para os seus adentros*: lit. "o seu corazón", xa que o corazón é a raíz dos propósitos, plans e decisións.
*Pedra*. É a versión do heb. "Hassela" ou "Sela", nome da capital edomita, que os gregos, na época nabatea, traduciron correctamente por Petra.
*Abismo*. O termo *eres* (lit. "terra") ten aquí, coma noutros lugares do A. T., o sentido de abismo, xeol, o mundo dos mortos.
5-7 Toda esta descrición poética da ruína de Edom refírese á pillaxe, atracos e loita dos beduínos (neste caso os nabateos), cos que sempre comerciou Edom e que neste momento se apoderan do seu territorio (cf Introd.).
6 *Os descendentes de Esaú*: pois o vocábulo "Esaú" ten sentido colectivo, ao levar o verbo en plural.
7 *Paz da túa fartura*: lit. "paz", en paralelo con alianza. Alude aos tratos e compromisos cos mercadores beduínos, e á conseguinte prosperidade material, consecuencia deste comercio.
*Devórate*. Parece esta a tradución máis indicada, por mor da métrica e por paralelismo. Coa puntuación do texto masorético, en troques, habería que traducir: "O teu pai".
A sabedoría de Edom é proverbial no mundo da Biblia.
9 *Temán*. A cidade máis setentrional de Edom. Coma nos vv. 19. 21, equivale á montaña de Esaú.
10-11 Alude á participación de Edom na caída de Xerusalén (cf Introd. 1). Na tradición bíblica é constante a afirmación da irmandade e oposición de Esaú e Xacob, como epónimos de Edom e Israel: (cf Xén **25**, 22-28; **27**, 27-29; **32**, 4-**33**, 16; Núm **20**, 23; Dt **23**, 8).
A palabra "vergonza" está en paralelismo sinónimo con "desaparecerás para sempre", pois no ambiente semítico, a vergonza, máis ca un sentimento, é unha forza que paraliza as enerxías humanas e resulta peor ca a morte (algo semellante á nudez, que é privación dos dereitos humanos, a redución á escravitude: cf Xén **2**, 28).

**O Señor devolverache o que fixeches con Xudá**

12 Non olles con agrado
para o día de teu irmán,
para o día da súa desgraza.
Non te alegres dos fillos de Xudá
o día do seu desastre,
non abras demasiado a túa boca
o día da súa angustia.
13 Non entres pola porta do meu pobo
o día da súa calamidade,
non olles tampouco ti
para o seu mal o día da súa calamidade.
Por favor non mandes coma escravos
ao teu territorio nada do seu exército,
o día da súa calamidade.
14 Non te plantes nas encrucilladas
dos camiños
para acabar cos seus fuxidos,
non vendas os que queden
o día da angustia.
15 Porque está preto o día do Señor
contra todos os pobos:
o mesmo que fixeches, faracho El a ti,
o teu merecido volverá á túa cabeza.

**O día do Señor será salvífico para Israel e de castigo para Edom**

16 O mesmo que bebestes da miña ira
sobre o monte do meu santuario,
así beberán da miña ira
todos os pobos por quenda;
si, beberán e sorberán,
e serán como se non fosen.
17 Pero no monte de Sión
haberá supervivencia,
o monte será santuario,
a casa de Xacob
recobrará a súa herdanza,
18 a casa de Xacob será lume,
a casa de Xosé, labarada,
e a casa de Esaú servirá de estopa,
que prenderá neles e consumiraos,
e non haberá sobrevivente
da casa de Esaú.
Si!, díxoo o Señor.

**Extensión do reino do Señor**

19 A casa de Xacob e a casa de Xosé posuirán o Négueb, a montaña de Esaú e mais as Terras Baixas, o territorio dos filisteos; tamén posuirán os campos de Efraím e os campos de Samaria, Benxamín e Galaad. 20 Os deportados, ese exército de fillos de Israel, perseguirán aos cananeos ata Sarpat, e os deportados de Xerusalén que viven en Sefarad posuirán as cidades do Négueb, 21 e subirán, liberadores, ao monte Sión, para gobernar nas montañas de Esaú. Entón o reino será para o Señor.

15 Cita aquí a Lei do Talión, de Éx **21**, 15, aplicándoa a Edom, o mesmo que se aplica a Babilonia en Xer **18**, 6-7; **50**, 29, e a Tiro e Sidón en Xl **4**, 4-7.
15a e 16-18 O día do Señor deixa de ser o día de castigo para Israel e Xudá (Am **5**, 18), e pasa a ser o día do triunfo e liberación de Israel, co conseguinte castigo para as nacións (cf Xl **3**, 4).
16 *Bebestes*. Quizais pense o profeta en Xudá e Israel, como o deixa entender o v. 18. Da miña ira é un complemento implícito. *Beber a copa da ira do Señor*: cf Sal **60**, 5; **75**, 9; Xer **25**, 15-29; Ez **23**, 32-34; Ap **14**, 10.
18 *Xacob* aquí está por Xudá; e *Xosé*, por Israel.
19-21 Preséntanos o reino de Iavé coa extensión dos seus mellores tempos, durante o reinado de David, tradicións propias de Xudá, dentro da teoloxía da realeza, segundo a cal o rei davídico é un mero instrumento da realeza de Iavé.

# INTRODUCIÓN A XONÁS

## 1. Xonás entre os profetas

*Unha tradición xudía que se remonta aos anos 190-175 a. C. considera o libro de Xonás como un libro profético, xa que o inclúe entre os doce profetas. Eclo* ***49****, 10 e a tradición cristiá seguiron a mesma liña de consideración. Con todo, saltan á vista as súas diferenzas cos libros proféticos: a) nunca fala Xonás en primeira persoa, senón que se fala del como dun profeta; b) o oráculo que proclama en* ***3****, 4 componse de catro palabras; c) nos cc.* ***1*** *e* ***3*** *dá a impresión de que Xonás non é o home de Deus, mentres que os mariñeiros pagáns e os ninivitas son verdadeiramente sensibles á palabra ou aos feitos de Deus. A Xonás non o vemos empeñado en nada: tan só se preocupa de durmir (****1****, 5) e de buscar a sombra (****4****, 6-8).*

*A súa relixiosidade soamente se deixa ver en* ***2,*** *2-9; pero a análise desta pasaxe fará ver que é un engadido posterior (cf notas), coa finalidade de cubrir o espazo entre o castigo do profeta e a súa salvación e de amañar un pouco esta caricatura profética.*

*Non obstante esta caricatura, o dinamismo da palabra de Deus constitúe a trama fundamental do libro. O encargo profético de Deus é tan forte que nin a vontade decidida do profeta, que foxe lonxe da presenza do Señor (****1****, 3), lle é impedimento. Esta palabra provoca a tempestade, salva prodixiosamente ao profeta, obrígao á misión que lle encomenda, e fai medrar o rícino nunha noite. Non obstante a pobreza da súa mensaxe aos ninivitas (****3****, 4), prototipo do pobo cruel e inimigo do pobo de Iavé, eles convértense de corazón, e fan unha penitencia exemplar na liturxia do xaxún. Esaxerando as cousas, poderiamos dicir que nesta obra a palabra profética actúa por si mesma, sen que o profeta poña da súa parte máis nada ca a pura instrumentalidade da palabra, de xeito que o dinamismo da palabra queda salientado ao máximo. Por iso, a tradición xudía-cristiá está no xusto ao considerar a Xonás como un libro profético. Por outra parte, a finalidade última da mensaxe profética é a salvación. Este aspecto de instrumentalidade salvífica está tratado perfectamente en Xonás, como logo veremos.*

## 2. Xonás e a historia

*O protagonista do libro é "Ionah ben Amittai" (****1****, 1), oriúndo de Gat Héfer (2 Re* ***14****, 25), no territorio de Zebulón (cf Xos* ***19****, 13). Viviu nos tempos de Ieroboam II (788-748), a quen lle anunciou o restablecemento das fronteiras da época gloriosa de David. Sorprende que no libro de Xonás non se faga alusión ningunha a esta profecía.*

*Algúns autores chegaron a pensar que a base do libro de Xonás sería unha viaxe feita polo profeta nos tempos de Ramanirani III para colaborar na reforma relixiosa en favor dun deus único (o deus Nabu). Con todo, é estraño que 2 Re silencie a viaxe; e, por outra parte, esta hipótese confunde o monoteísmo iavista co henoteísmo asirio do reinado de Ramanirani III.*

*Se o libro de Xonás respondese a un feito histórico, esperaríase unha descrición de Nínive menos fantástica e máis real ca a que ofrece (cf* ***3****, 3;* ***4****, 11...).*

*Unha das razóns que se alegan en pro da historicidade, é a referencia ao signo de Xonás nos Evanxeos (cf Mt* ***12****, 39;* ***16****, 4; Lc* ***11****, 29), coa afirmación de Xesús de ser El máis ca Xonás (Mt* ***12****, 40-41; Lc* ***11****, 32). Dos dous últimos textos conclúen algúns que, o mesmo que é un feito histórico a morte e resurrección de Xesús, tamén debe selo o signo de Xonás. Con todo, os que así razoan esquecen o carácter acrítico da esexese rabínica dos tempos de Xesús. Daquela, a distinción entre feito literario e feito histórico non existía, e o feito literario bíblico dáballes sentido aos feitos históricos do presente (cf a esexese que Heb* ***7****, 3 fai de Xén* ***14****, 17-20).*

*A esexese católica actual está xeralmente de acordo en negarlle a historicidade á figura de profeta que presenta o libro de Xonás, cousa esta que non lle quita nada de importancia á obra, senón que a abre a unhas perspectivas de comprensión máis fondas.*

## 3. Xénero literario de Xonás

*A esexese actual está fundamentalmente de acordo coa finalidade didáctica do libro, conclusión á que chega tamén o lector desapaixonado. O que o autor busca é transmitir, dun xeito intuitivo, o amor e a preocupación de Deus por todos os pobos e a compaixón que sente polos homes descamiñados e mesmo polos animais (****4****, 11). Para acadar o que se propón, constrúe o autor un relato cheo de elementos imaxinativos e fantásticos, ás veces caricaturescos, atribuíndolle todo o*

*relato a un profeta distante (do século VIII), e facendo prototipo de pobo desorientado ao pobo asirio, o máis cruel dos que atopou Israel no seu camiño. A súa capital Nínive, fora arrasada no ano 612 a. C.*

*A mensaxe salvífica universalista ponse na boca dun profeta que na tradición histórica pronunciara oráculos salvíficos para o pobo de Israel, anunciándolle a restauración das proverbiais fronteiras davídicas. Por isto a esexese actual considera o libro un longo midrax sobre este profeta, que, por ser esquecido e escuro no tempo, pódese tratar con liberdade; e que, por ofrecer unha mensaxe salvífica, encaixa moi ben coas necesidades do pobo.*

*O vocábulo hebreo midrax (da raíz "derax") reflicte un procedemento esexético e actualizador das Escrituras Santas. O tema vén suxerido por dúas fontes confluentes: un texto bíblico, e as necesidades espirituais do pobo, percibidas por un sabio místico, neste caso inspirado por Deus. Os procedementos son os propios dunha exposición didácticopopular: imaxinación forte e organización dos recursos en orde a deixar ben clara a súa mensaxe, que el considera indicada para o pobo. A forma pode ser de carácter homilético ou a dunha historia didáctica. Os segundos proliferaron durante a época postexílica; e son en boa parte froito desa esexese, entre outros, os libros de Xob, Daniel, Xudit e Tobías.*

*O xénero deráxico recolle símbolos bíblicos, que lle dan á obra un certo carácter alegórico ou simbólico. O mesmo nome de Xonás, que en hebreo significa pomba, é símbolo do pobo en Sal **74**, 19, e Os 7, 11; **11**, 11; cf Os **9**, 11. A falta de sensatez da "pomba" leva a alianzas prexudiciais, pois supoñen a ruptura da confianza en Iavé. De feito, a figura caricaturesca de Xonás é símbolo da actitude particularista e egoísta do pobo xudeu, que se pecha á súa misión profética e salvadora cara aos pagáns: Xonás foxe da misión profética e salvadora que Deus lle encomenda (**1**, 2-3); e, forzado por Deus a cumprila, sente unha grande tristeza e enfado ao ver a salvación de Nínive (**4**, 1). En troques, os mariñeiros pagáns están abertos á fe en Iavé, a quen lle ofrecen sacrificios (**1**, 16). Os ninivitas pola súa banda responden axiña cunha actitude de fe na palabra profética, e o rei e os seus ministros fan do xaxún de conversión un asunto de estado (**3**, 3-9). Esta tipificación da misión profética de Israel fronte aos pobos xentís na figura dun profeta, non é outra cousa ca un midrax de Núm **11**, 29; e deste xeito explícase a imaxe de Xonás comentada ao comezo: Xonás resulta unha caricatura de profeta, porque é un símbolo da misión profética do pobo cara aos pagáns, e porque no período de composición da obra o pobo vive de costas a este compromiso histórico, preocupado soamente dos seus intereses persoais (cf **4**, 6-9).*

*A oposición de Xonás á vontade de Deus (**1**, 4ss), o mesmo ca a súa tristeza polo resultado da propia actividade profética (**4**, 1ss), é unha tipificación e símbolo da tardanza no cumprimento das profecías contra as nacións (Abd, Sof, etc.).*

*O relato do peixe que recolle a Xonás (**2**, 1) é un midrax de Xer **51**, 34. Neste texto o peixe é Babilonia, que deporta o pobo de Xudá a Babilonia, onde se lembrará do Señor e lle dará grazas pola súa salvación.*

## 4. Data de composición

*Ao non haber referencias expresas, a data do libro soamente se pode deducir da análise da linguaxe e da teoloxía expresada nel. No tocante á linguaxe, emprégase un hebreo narrativo da mellor feitura.*

*A utilización dalgúns termos usuais no arameo e no hebreo postexílico e doutros arameísmos semellantes aos de Esd e Dn, fan datar o escrito nunha época postexílica avanzada.*

*A obra estrutúrase en catro escenas, que responde a cada un dos catro cc., correspondéndose entre si os pares e os impares.*

*A teoloxía do libro vén confirmar a similitude de léxico cos de Esdras e Nehemías, pero en certa polémica con esta obra, xa que en Xonás a tese central é a simpatía polos xentís e a chamada á responsabilidade profética do pobo de Deus fronte á salvación dos pagáns, mentres que en Neh (cf **13**, 23) a postura é a oposta, ao prohibírense os matrimonios mixtos.*

*A dependencia teolóxica e de vocabulario de Xer e Ez, confirma o carácter deráxico da obra, e mais a pertenza do seu autor aos círculos proféticos de sabios postexílicos.*

*Concretando, o libro de Xonás debeu ser escrito entre os anos 400 e 350 a. C.*

## 5. Contido teolóxico de Xonás

*Podemos sintetizalo na misión profética do pobo de Deus cara aos pagáns. O pobo debe sentirse portador da palabra de Deus, dinámica e irresistible.*

*Deus sente profunda compaixón ante o extravío das nacións, e non quere o seu castigo, senón a súa conversión. Deste xeito, a obra vincúlase coa teoloxía de Rut, II Is, Is* ***60-62****.*

*No N. T., a parte das alusións a Xonás nos Evanxeos, quizais haxa que pensar na formulación primitiva da fe (1 Cor* ***15****, 4). A estancia de Xesús no sepulcro ponse en paralelo coa de Xonás no ventre do cetáceo. Do mesmo xeito que esta última foi salvífica para os pagáns, tamén o foi para eles a sepultura de Xesús.*

# XONÁS

### A fuxida de Xonás

**1** [1]Veulle a palabra do Señor a Xonás, fillo de Amitai, nestes termos: [2]–Érguete e vai a Nínive, a gran cidade, e proclama contra ela oráculos de como subiu á miña presenza a ruindade dos seus habitantes.

[3]Pero Xonás ergueuse para fuxir a Tárxix, lonxe da presenza do Señor. Baixou a Iafa, onde atopou un barco que marchaba para Tárxix. Pagou a pasaxe do barco e colleuno para marchar nel a Tárxix, lonxe da presenza do Señor. [4]Entón o Señor lanzou un forte vento contra o mar, e armouse unha grande tempestade, de xeito que parecía que ía partir o barco. [5]Colleron tal medo os mariñeiros, que cada un lles pedía auxilio a berros aos seus deuses; logo botaron ao mar todos os obxectos que había a bordo, para alixeiraren o barco do seu peso. Mentres tanto, Xonás, que baixara ao fondo do barco, estaba deitado e durmía un sono profundo.

[6]Entón o capitán chegouse a xunto del e díxolle: –Que che pasa a ti para durmires un sono profundo? Érguete e pídelle auxilio a berros ao teu deus. Quizais ese deus se preocupe de nós e non perezamos.

[7]E dicían entre eles: –Veña! Botemos as sortes, para podermos coñecer por causa de quen nos acontece esta desgraza.

Botaron as sortes e tocoulle a Xonás. [8]Entón dixéronlle: –Fai o favor de nos dicir: Por causa de quen nos vén esta desgraza? Cal é a túa misión? De onde vés? Cal é o teu país? De que pobo es ti?

[9]Respondeulles el: –Son hebreo e adoro a Iavé, o Deus do ceo, que fixo o mar e mais a terra firme.

[10]Cheos de temor sagrado, os homes aqueles dixéronlle: –Que é o que fixeches?

Pois dábanse de conta de que fuxía da presenza de Iavé (pois xa llelo dixera). [11]Preguntáronlle: –Que faremos contigo para que o mar deixe de estar contra nós?

Pois o mar seguía embravecéndose.

[12]Respondeulles: –Collédeme en peso e botádeme ao mar, pois eu ben sei que é culpa miña esta gran tempestade que está contra vós.

[13]Entón os homes aqueles remaban para volver á terra firme, pero non eran capaces, xa que o mar seguía embravecéndoselles cada vez máis. [14]Pero invocaron a Iavé con esta súplica: –Ai, Señor!, que non perezamos por culpa dos plans deste home. Non nos fagas responsables de sangue inocente, pois ti obras tal como queres.

[15]Levantaron en peso a Xonás, botárono ao mar, e o mar aplacou o seu embravecemento. [16]Entón os homes sentiron un gran respecto polo Señor, fixéronlle un sacrificio e ofrecéronlle votos.

**1**, 3 *Tárxix*: a antiga cidade dos tartesos, na desembocadura do Guadalquivir (cf Heródoto IV, 52: desde o s. VII os gregos comerciaban con Tárxix). En 1 Re **10**, 1ss e Sal **48**, 8, significa o cabo do mundo.
A expresión "lonxe da presenza do Señor" equivale a "negándose á súa misión de profeta". En troques "estar de pé na presenza do Señor" (Xer **15**, 1. 19; **18**, 20) significa interceder por alguén ante Deus.
**1**, 4ss A tempestade do mar é interpretada polos mariñeiros politeístas como unha manifestación de ira dalgunha das divindades. O texto quere contrapoñer a profunda relixiosidade dos mariñeiros e do capitán (politeístas), co profundo sono de Xonás, que despreocupado e egoísta, dorme no fondo do barco.
**1**, 7 *Botar as sortes* (cf Xos **7**, 19; 1 Sam **14**, 42) era nos pobos do Medio Oriente e en Grecia a forma de coñecer a vontade divina.
**1**, 8 *Por causa... desgraza?* Estas palabras faltan en moitos manuscritos hebreos e gregos.
**1**, 9 Xonás declárase hebreo; pero, no sentido do midrax, é ademais símbolo do comportamento oficial do pobo hebreo. O título *Deus do ceo* é de orixe persa, e característico da época postexílica (cf Esd **1**, 2; 2 Cro **24**, 23...; Xud **6**, 13. 15; Dn **2**, 18. 19. 37. 44). A declaración de nacionalidade segue unha profesión de fe, en oposición á fe dos mariñeiros.
**1**, 10 A paréntese contén unha glosa clarificadora do contexto.
**1**, 14 A fe de Xonás é inoperante, ao non obedecer a chamada divina, e durmir; con todo, os mariñeiros, que non profesan a fe en Iavé, invócano cunha oración.
*Plans*: o termo hebreo "néfex" ademais de gorxa, vida..., significa tamén aspiracións, pretensións, desexos, intencións.
**1**, 15-16 O comezo da tempestade interprétano como anoxo dun dos deuses contra algún dos pasaxeiros; e a calma posterior resulta unha manifestación teofánica de Iavé, a quen se lle ofreceron votos e un sacrificio contra todas as normas cúlticas. Unha liberación do legalismo sacerdotal postexílico semellante á do libro de Xonás soamente se atopa no cristianismo.

### O Señor salva a Xonás

**2** [1]Mentres, o Señor dispuxo un gran peixe
para que engulise a Xonás. Estivo nas entrañas do peixe tres días e tres noites. [2]Desde as entrañas do peixe rezoulle Xonás ao Señor, o seu Deus:

[3]Desde a miña angustia
chamei ao Señor e escoitoume;
desde o ventre do abismo pedín auxilio,
e escoitaches a miña voz.
[4]Botáchesme nas profundidades,
no corazón do mar;
e envolvíame a corrente.
Os teus golpes de mar
e mais as túas ondas
pasaron todas sobre min.
[5]Pero eu pensei:
apartáronme lonxe da presenza
dos teus ollos;
como poderei seguir mirando
cara ao teu santo templo?
[6]Asolagoume a auga ata a gorxa,
envólveme o abismo;
as algas ensaríllanse na cabeza,
[7]onde enraízan as montañas.
Baixei ao profundo da terra:
o seu ferrollo pechouse tras de min
para sempre.
Pero sacaches a miña vida da foxa,
Señor, meu Deus.
[8]Cando se debilitaban os meus folgos,
lembreime do Señor,
e a miña oración chegou a ti,
ao teu santo templo.
[9]Os fanáticos dos ídolos que nada son,
abandonan a súa fidelidade.
[10]Pero eu ofrecereiche un sacrificio
cantando a miña acción de grazas.
O que prometín cumprireino.
A salvación está no Señor.
[11]Entón o Señor deulle orde ao peixe,
e este vomitou a Xonás en terra firme.

### Xonás en Nínive

**3** [1]Veulle de segunda vez a palabra do Señor
a Xonás: [2]–Érguete, vai a Nínive, a grande cidade, e proclámalle a mensaxe que eu che dei.

[3]Xonás ergueuse e marchou a Nínive, conforme á palabra do Señor. Nínive era unha cidade enormemente grande, de tres días para atravesala. [4]Xonás comezou a entrar na cidade o camiño dun día e predicaba así: –Dentro de corenta días Nínive será destruída.

[5]Os homes de Nínive creron en Deus e proclamaron o xaxún. Vestíronse de saco desde o máis grande ao máis pequeno. [6]A mensaxe chegou tamén ao rei de Nínive, que se ergueu do seu trono, quitou os seus vestidos rexios, cubriuse de saco, sentou no po, [7]e fixo proclamar e impoñer en Nínive como decreto do rei e dos seus grandes: Homes e animais, vacas e ovellas non proben nada, non pazan nin beban auga; [8]cúbranse de saco

**2**, 1 O número tres ten valor simbólico. Apoiándonos no Pentateuco, podemos concluír que ten o sentido de "preparación para o encontro" con Deus. Son os días da espera (Éx **3**, 18; **5**, 3; **8**, 23), tres días de camiño polo deserto para ofrecer sacrificios a Deus (Éx **15**, 22; Núm **33**, 8; **19**, 15), días de espera para unha solución positiva ou negativa (Xén **40**, 10ss. 16ss; **42**, 13; Lev **19**, 23; Núm **10**, 33). Os tres días da sepultura de Xesús interprétanse, despois das experiencias de encontro co Resucitado, segundo esta mesma clave simbólica.
*O peixe* é un símbolo deráxico tomado de Xer **51**, 34 (cf Introd. 3).
**2**, 3 A espera de acción salvífica de Deus desenvólvese rezando cunha oración ben axeitada á actitude relixiosa de Xonás: non é un encontro comprometido co encargo divino de predicación aos pagáns, senón cunha oración de fe no poder de Deus sobre o orante.
O salmo (vv. 3-9) é un himno de acción de grazas, de corte postexílico (cf vv. 5. 8: alusión ao templo). Algúns autores pensan que é unha peza anterior, ao considerar que na boca dun náufrago encaixaría mellor un salmo de lamentación individual ca un himno de acción de grazas. Pero, tendo en conta o carácter midráxico do libro, vese que o salmo de acción de grazas cadra moito mellor coa relixiosidade autosuficiente e segura de Xonás (= pobo), que dorme no fondo do barco entre a tempestade, e que se cre seguro na súa postura. Trátase dunha relixiosidade interesada (v. 10), e de desprezo pola oración dos pagáns, que ofrecen sacrificios no barco e no templo (**1**, 16).
**2**, 4-6 No contexto do libro, as alusións á estancia de Xonás no mar, no ventre do peixe, son as mesmas ca nos salmos de acción de grazas. Alude á presenza do orante preto da morte e do xeol.
**2**, 7 *Baixei... terra*. O termo hebreo *eres* (lit. "terra") ten aquí, o sentido de "baixo-terra", o xeol, o abismo (cf nota a Abd 3).
**3**, 1-3 A salvación de Xonás esixe unha docilidade ao mandato do Señor. Paralelamente, a liberación do desterro en Babilonia esixe do pobo unha resposta fiel ao mandato divino de proclamar a salvación aos pagáns, cousa que non lle entusiasma ao pobo.
**3**, 3 Os tres días de camiño expresan unha grande distancia, coma en Xén **30**, 36 (cf 1 Sam **9**, 20). Unha extensión tan grande, é símbolo do mundo pagán.
*Enormemente grande*: lit. "era unha cidade grande aínda para Deus".
**3**, 4 Os corenta días de espera recordan os corenta días do diluvio e os corenta anos do Éxodo (cf 1 Re **19**, 8).
**3**, 5 A liturxia do xaxún era coñecida e practicada no culto de todos os pobos semíticos. Nos salmos de lamentación colectiva participaban tamén os reis, e incluso os animais domésticos, pois a súa sorte estaba asociada á das persoas.
**3**, 8 O mal camiño é a conduta inmoral e a violencia, que se apega ás mans. Son os malos hábitos que o home ten que deixar. As mans designan a persoa en canto está acostumada a un determinado xeito de actuar.

homes e animais, e clamen con forza a Deus.
Convértase cada un do seu mal camiño e da
violencia que se lle apegou ás mans. 9Quen
sabe? Quizais Deus cambie de parecer, se
compadeza, apague o incendio da súa ira e
así non perezamos. 10Viu Deus as súas obras,
como se convertían do seu mal camiño, e
arrepentiuse do mal que dixera que lles ía fa-
cer, e non llelo fixo.

**Desgusto de Xonás e revelación de Deus**

**4** 1Isto causoulle a Xonás un grande des-
gusto e enfadouno. 2Rezoulle así ao
Señor: –Ai, Señor! Non é isto o que eu di-
cía, cando estaba na miña terra? Por iso me
adiantei a primeira vez e fuxín a Tárxix:
porque sabía que Ti es un Deus compasivo
e misericordioso, lento para a ira e rico en
bondade, e que te arrepintes da ameaza. 3Pois
agora, Señor, tírame a vida, pídocho!; porque
para min é mellor morrer ca vivir.

4Respondeulle o Señor: –É xusto que te
enfades?

5Xonás saíra xa da cidade e vivía ao leste
dela, onde fixera para si unha cabana. Estaba
sentado debaixo dela á sombra, esperando
a ver que pasaba na cidade. 6Entón o Señor
Deus dispuxo unha árbore de rícino, que me-
drou por enriba de Xonás para darlle sombra
á súa cabeza e deste xeito libralo do seu mal
xenio. Alegrouse inmensamente Xonás por
mor do rícino. 7Cando subía a alba para o ou-
tro día, dispuxo Deus un verme que picou o
rícino, e este secou. 8Cando o sol apertaba,
mandou Deus un abrasador vento soán, e o
sol deulle na cabeza a Xonás, que se sentía
esmorecer. Entón desexou con ansia a morte
e dixo: –Éme mellor morrer ca vivir.

9Díxolle Deus a Xonás: –É xusta a túa ca-
rraxe por mor do rícino?

Respondeulle: –Si, é xusto que eu me anoxe
ata desexar a morte.

10Repúxolle o Señor: –Ti estás aflixido por
un rícino que non traballaches nin o fixeches
medrar, que durante unha noite se forma e
durante outra noite perece. 11E non me vou
eu aflixir e compadecer da grande cidade de
Nínive, onde hai máis de cento vinte mil per-
soas que non distinguen entre a súa dereita
e a súa esquerda, a máis de moitos animais?

**3**, 9-10 Depende de Xer **18**, 7-12; **25**, 5; **26**, 3... (cf Introd. 4).

**4**, 1 O pobo xudeu sente carraxe e desgusto pola conversión dos pagáns. Sorprende esta actitude do pobo xudeu da época postexílica, pero ten a súa razón de ser nos círculos sacerdotais e legalistas. Certo que se opoñen a eles os círculos sapienciais-proféticos, herdeiros e transmisores dos escritos dos profetas. No fondo son as eternas tensións da historia e do espírito humano: ter a seguridade nas normas e leis, fronte ao espírito crítico enraizado nas antigas tradicións, e que non se deixa atar por circunstancias cambiantes.

**4**, 3 Sorprende que Xonás pida a morte. Soamente se comprende na mentalidade semítica e hebrea, onde a "orde" é o supremo valor, por riba da mesma existencia do ser.

**4**, 11 O número 120 000 (= 12 x 10 000) é un número simbólico do novo Israel (12 tribos), pero cheo dunha multitude inmensa, que vén indicar a universalidade da humanidade, á que se asocian os animais, tamén como obxecto da misericordia de Deus. Deste xeito, o libro prepara a revelación do amor universal de Deus, mostrada en Xesús, coa paralela superación do particularismo legalista dos fariseos e dos peritos da Lei.

# INTRODUCIÓN A MIQUEAS

## 1. O problema crítico

*Desde o ano 1926 algún que outro crítico vén descompoñendo os sete capítulos de Miqueas en dúas partes (cc.* ***1-5*** *e* ***6-7****). Os cinco primeiros pertencen a Miqueas de Moréxet, na Xefelah, que predica contra Xudá e Samaria. Os dous últimos son obra dun autor anónimo, contemporáneo do primeiro, que predica no reino do Norte. A parte destes dous grandes bloques, hai engadidos e glosas, pero quizais moitas menos das que algúns críticos propoñen. A nosa postura fundaméntase no que segue:*

*a) O I Miqueas parte dunha teoloxía típica de Xudá: a elección de Sión e a presenza de Iavé no templo (****1****, 3;* ***4****, 3. 7), e a elección da dinastía davídica (****5****, 1ss) para reinar sobre todo Israel: por isto Xacob e Israel son nomes que lle indican ao pobo de Deus que debe estar submiso ao rei davídico. Pola contra, para o II Miqueas os principios teolóxicos son as tradicións do Éxodo e da Alianza (****6****, 2-5. 7-15).*

*b) As referencias xeográficas e históricas do I Miq refírense ao reino do Sur. Así, en* ***1****, 10-15, todos os nomes xeográficos localizados pertencen a Xudá, e máis en concreto á Xefelah, rexión da que era orixinario o profeta; e en* ***5****, 1 fálase de Belén de Efratah (cf* ***4****, 2. 8). Polo contrario, no II Miq alúdese ao Baxán, a Galaad (****7****, 14), e a Tiro (****7****, 12), que pertencen ou están en relación co reino do Norte.*

*c) O I Miq ataca as inxustizas das clases dirixentes: xefes da Casa Real (****3****, 19), profetas (****3****, 5), sacerdotes que fallan nos casos legais (****2****, 11)... En troques, o II Miq ataca ao pobo de Iavé (****6****, 2), á tribo e á asemblea da cidade, responsable das inxustizas no trato comercial e do excesivo enriquecemento dalgúns (****6****, 9ss). Como se pode apreciar, non só hai diferente terminoloxía, senón diferente socioloxía: no II Miq fálase da cidade, o que supón a situación dun reino territorialmente restrinxido arredor de Samaria.*

## 2. Miqueas de Moréxet: I Miqueas

*O seu nome Mikah é unha abreviación de Mikaiehu ou Mikaiah (="quen coma Iavé"); debeu ser de orixe humilde, pois era de Moréxet, nas ladeiras da Xefelah (30 km ao SO de Xerusalén). O editor dátao nos reinados de Iotam (740-735), de Acaz (735-716) e de Ezequías (716-687). Algúns críticos restrinxen a súa actividade ao reinado de Ezequías. Esa época bastaría para dar contexto histórico aos textos que nos presenta; pero non hai razón para negar a historicidade dos datos que nos ofrecen os discípulos do profeta, e que recolle o editor. Algúns autores pensan no seu traslado de Moréxet a Xerusalén a raíz da invasión da Xefelah por Senaquerib (ano 701), con motivo do levantamento de Axquelón e Ecrón contra os asirios, sobre o que o profeta entoa a lamentación de* ***1****, 8-16. Con todo, o seu traslado debeu acontecer no ano 734, cando as tropas de Teglatpeléser III (745-727) chegaron ata o río de Exipto (non ao Nilo, senón a un regato máis ao sur de Gaza), na campaña contra a Filistea.*

*Desde Xerusalén predí e interpreta profeticamente a caída de Samaria. Con todo, a súa predicación fundamental é a crítica contra as inxustizas sociais e contra as clases dirixentes.*

*A súa achega profética máis importante vai na liña da teoloxía da monarquía e da teoloxía de Sión, asemellándose ao seu contemporáneo I Is. Aínda que critica as autoridades políticas e relixiosas, os dirixentes da casa de Israel que para el é a dinastía davídica, nunca critica o rei. Ao contrario preséntanos a teoloxía dunha monarquía en situación angustiosa (****4****, 9-14), mostrando a esperanza de triunfo sobre as nacións, pois Iavé (****4****, 6-5) suscitará de Belén o soberano de Israel, o novo David, que reunirá os seus irmáns (o reinado do Norte agonizante ou xa desfeito) e será o Rei da Paz, facendo actual a acción salvífica e bendicinte do mesmo Deus (****5****, 1-14).*

*Outro tanto se pode dicir da teoloxía de Sión. É ben sabido que o himno a Sión de* ***4****, 1-5 é común con Is* ***2****, 2-4; agora ben, pódese pensar con algúns críticos que é orixinario de Miq, pola importancia que lle dá este ao tema de Sión, moito meirande ca a que lle concede Isaías.*

## 3. O II Miqueas

*Non coñecemos a súa orixe, e sería unha coincidencia que se chamase Mikah. Haino que poñer en relación con Oseas, e sobre todo co centro cúltico e teolóxico de Xequem (cf Introd. ao Dt), pois recolle as esixencias da alianza nas críticas ás inxustizas econó-*

*micas, na torah profética (**6**, 8), e no preito de revisión de Alianza (cf **6**, 1-9 e nota), que, como xénero literario, quizais haxa que remontar á teoloxía de Xequem, e non aos deuteronomistas do exilio, como queren algúns críticos.*

*Sobre a data da morte deste profeta, pódese aventurar a hipótese de que non sobrevive ao reinado de Oseas o último rei de Israel, e que, polo tanto, non coñece a caída de Samaria, (ano 722/721). Esta hipótese atopa o seu fundamento na análise de **7**, 8-17.*

# MIQUEAS

**1** [1]Palabra do Señor que lle foi dirixida a Miqueas, natural de Mórexet, nos días de Iotán, Acaz e Ezequías, reis de Xudá: visión que el tivo verbo de Samaria e Xerusalén.

## I. ACUSACIÓNS E ANUNCIOS DE CASTIGO

[2] Escoitade, pobos todos;
prestade atención,
terra e o que a enche.
O Señor Deus servirá
de testemuña contra vós:
o Señor, que virá do seu templo santo.
[3] Si, velaí o Señor que sae
do seu santuario, baixará e camiñará
sobre as alturas da terra.
[4] Os montes derreteranse por debaixo del
e fenderanse os fondais dos vales.
Coma a cera pola presenza do lume,
coma a auga que corre pola ladeira.
[5] Todo isto sucederá
pola apostasía de Xacob
e polo pecado da casa de Israel.
Quen é o causante da apostasía de Xacob?
Acaso non é Samaria?
Quen é o outeiro que fai pecar a Xudá?
Acaso non é Xerusalén?
[6] Converterei a Samaria
nunha morea de pedras,
nunha viña plantada de novo.
Farei correr as súas pedras ata o val,
e deixarei ao descuberto os seus alicerces.
[7] Todos os seus ídolos serán machucados,
e todos os seus regalos
serán queimados no lume.
Converterei todas as súas imaxes
nunha desolación, pois foron feitas
xuntando ganancias das prostitutas
e ganancias das prostitutas volverán ser.

**Lamentación polas cidades da Xefelah**

[8] Por isto, voume lamentar e chorar,
vou camiñar descalzo e espido.
Vou facer unha lamentación
coma os chacais
e un canto de loito
coma os poliños da avestruz.
[9] Incurable é o golpe que dá o Señor.
Si, chega ata Xudá.
O Señor peta ata nas portas
do meu pobo, ata en Xerusalén.
[10] En Gat, non o proclamedes,
en Bocó non choredes.
En Bet Leafrah espoldrexade no po.
[11] Que a poboación de Xafir faga resoar
a trompeta por medio de vós.
Si, que saia espida e avergonzada
a poboación que habita en Caanán.
Hai dó en Bet Haésel,
retíresevos o seu apoio.
[12] A poboación de Marot espera o ben,
pero baixa a desgraza de xunto ao Señor
ás mesmas portas de Xerusalén.
[13] Engancha os cabalos ao carro,
poboación de Láquix.
É o comezo do fracaso, filla de Sión,
pois en ti están as transgresións de Israel.
[14] A ti, Moréxet de Gat,
impuxéronche o xugo os emisarios.
Para os reis de Israel
as casas de Aczib
volvéronse un regueiro sen auga.

**1**, 2-7 Este texto ten que ser anterior aos anos 722/721 (caída de Samaria). Por medio dun oráculo de xuízo condenatorio, preséntase o castigo divino como unha teofanía que sae do santuario de Xerusalén. O v. 5c é unha glosa posterior, que aplica o texto a Xerusalén.

**1**, 3 Do mesmo xeito que cando Deus se mostra ás súas criaturas estas conmóvense, así cando El condena a mesma terra, esta derrétese. Esta relación da teofanía co oráculo de xuízo de castigo expresa de xeito moi forte a transcendencia ou santidade de Deus (cf Is **6**, 1ss).

**1**, 6 A imaxe coa que se expresa a destrución de Samaria está collida da cavadura que se fai para plantar unha viña nova: bótase a terra no fondo, xunto á raíz, e as pedras déixanse por riba, para que conserven a humidade durante o verán. O que lle interesa ao autor é a morea de pedras, os alicerces da cidade ao descuberto.

**1**, 7 Os regalos para os templos nacionais e para a cidade eran o pagamento da prostitución sagrada nestes mesmos templos, e os conquistadores asirios empregaran os metais preciosos para os seus cultos idolátricos e para a prostitución sagrada.

**1**, 8 A data desta lamentación é o ano 701, cando Senaquerib ataca a Axquelón e Axdod e parte de Xudá porque non se lle pagou o tributo tratado, confiados nunha alianza antiasiria con Exipto. As cidades están todas na Xefelah ou Terra Baixa, próxima á fronteira exipcia. Entre as cidades arrasadas e deportadas está a cidade natal do profeta, Moréxet. Ao estilo de Is **10**, 28-32, vai facendo xogos de palabras entre os nomes das cidades e o sentido que teñen os devanditos nomes.

**1**, 10 *En Bocó*. Non se trata de ningunha corrupción do texto, xa que por 2 Sam **5**, 23ss coñecemos a existencia da cidade "Bacá" na zona limítrofe coa Filistea. O verbo hebreo *bacah* significa "chorar".

15 Farei entrar de novo ao conquistador
en ti, poboación de Marrexah.
E penetrará ata Adulam
a gloria de Israel.
16 Corta e arrinca o cabelo
polos fillos dos teus praceres,
agranda a túa calva coma a do voitre,
xa que eles van ao desterro lonxe de ti.

### Contra os explotadores

**2** 1 Ai dos que maquinan iniquidade
e obras de ruindade nos seus leitos!
Coa luz da alba póñenas por obra,
pois están no poder das súas mans.
2 Cobizan campos e róubanos;
e tamén casas, e levántanse con elas.
Oprime ao home e mais a súa familia,
a unha persoa e mais a súa herdanza.
3 Por isto, así fala o Señor:
Velaí: Matino contra esta xeración
unha desgraza,
e non poderedes apartar
os vosos pescozos,
nin poderedes camiñar dereitos,
pois será a hora da desgraza.
4 O día aquel entoarase
contra vós unha sátira,
cantarase unha elexía
–xa está feita– e dirase:
"Róubannos completamente,
levarán o quiñón do meu pobo.
Como se aparta de min!
Como fai o invasor as partillas
dos nosos campos!".
5 Por isto non teredes
na asemblea do Señor,
quen bote o cordel sobre a porción.

### Diálogo dos que se opoñen ao profeta

*(Opositores):*
6 Non embelequedes os pasmóns.
(Eles son os que embelecan
os pasmóns!).
Non embelequedes os pasmóns
con estas cousas.
A ofensa cesará.
7 Ese oráculo é para a casa de Xacob?
Esgotouse o poderoso
Espírito do Señor?
Son estes os seus feitos?
Acaso non lle prestan ben
as súas palabras a quen
se comporta rectamente?
*(Profeta):*
8 "Pero, vós non sodes o meu pobo,
xa que vos erguedes como inimigos.
A quen consente en deixar
o manto ordinario,
arrebatádeslle o vestido precioso.
Aos que pasan confiados,
facédelos volver á guerra.
9 Ás mulleres do meu pobo
botádelas das súas casas.
Arrebatades para sempre
aos meniños do meu pobo
a gloriosa liberdade que eu lles dou.
10 Levantádevos e marchade,
que isto non está para descansos!,
pola falta de pureza.
11 Pois se alguén andase enganando
con vento e mentira,
eu faría que un,
movido polo viño e polo licor,
embelecase os pasmóns:
el sería o profeta que confundise

**1**, 15 O cualificativo de *Adulam*, "a gloria de Israel", é unha alusión a 1 Sam **22**, 1ss e 2 Sam **23**, 13.
**1**, 16 Todas estas expresións aluden aos costumes de loito e dó fúnebre (cf Is **22**, 12; Xer **7**, 29). Trátase do voitre pelado, que, coma a aguia pelada e mesmo os pitos pelados, teñen parte do pescozo sen plumas.
**2**, 1-2 Denuncia das inxustizas sociais, común aos profetas do s. VIII Amós, Oseas e Isaías. A cananeización da monarquía, debida a Salomón en Xudá e aos omridas en Israel, trouxo consigo unha clase dominante e rica, pola acumulación de propiedades. Os profetas opóñense a estes abusos discriminatorios, porque o vello sistema está baseado na propiedade divina da terra e no equilibrio de propiedades entre os membros do pobo.
**2**, 3 *Apartar os vosos pescozos*: librarse do xugo da dominación estranxeira, e posiblemente da deportación. *Camiñar dereitos*: sucede cando hai liberdade política e dereito de propiedade sobre os bens agrícolas. A situación descrita polos vv. 3 e 4 é moi distinta: os habitantes da zona costeira son deportados (ano 701), e os seus bens pasan aos estranxeiros.
**2**, 6 "Embelecar os pasmóns": o verbo *nataf* significa gotear, babear. Na forma causativa úsase, na polémica contra o profeta, para expresar o desprezo contra el, polo seu parentesco cos profetas extáticos. Aquí quere indicar a excesiva credulidade do pobo nas súas palabras; por isto traducímolo por *embelecar os pasmóns* (cf Ez **21**, 2. 7; Am **7**, 16).
**2**, 6-11 O pobo rico oponse ao anuncio de castigo, aludindo ao poder do Señor e á rectitude de comportamento do mesmo pobo, que reclama de Deus palabras de bendición. O profeta denuncia os feitos opresivos dos ricos (vv. 8-11), para acabar volvendo á imaxe inicial do embelecador: se el fose un embelecador, faría que un embelecador e borracho fose o profeta destes ricos opresores.
**2**, 7 O dito refírese ao oráculo de condenación que antecede, e que tivo que ser habitual no profeta.
**2**, 9 *A gloriosa liberdade que eu lles dou*: lit. "a gloria de min"; pero, por ser o xenitivo subxectivo, "a gloria que eu lles dou". Neste contexto o termo gloria significa esplendor, grandeza, liberdade, que vén da posesión de bens.
**2**, 11 *Alguén* refírese a Miqueas ou a outro profeta semellante, que denuncia aos ricos opresores. *Eu*: é Deus, pois o profeta, no oráculo, vén falando en primeira persoa divina. Se o profeta, que non é ningún borracho, falase mentiras, Deus suscitaría un profeta borracho (extático) que profetizase o mesmo ca el.

a este pobo.
12 Reunirei a Xacob, a ti enteiro,
recollerei o resto de Israel.
Xuntareinos coma as ovellas no curral,
coma rabaño no seu pasteiro,
e non terán medo de ninguén.
13 O que abre camiño sobe diante deles,
abrirán, pasarán pola porta e sairán.
O seu rei pasará diante deles:
O Señor, á cabeza!

### Contra os dirixentes de Israel que oprimen o pobo

**3** 1 Entón, eu dixen:
Escoitade, xefes de Xacob;
vós, dirixentes da casa de Israel:
Non é cousa vosa
o coñecer o dereito?
2 Vós, que odiades o ben e amades o mal?
Vós, que lles arrincades a pel,
e tirades a carne dos seus ósos?
3 Si, certo, comen a carne do meu pobo,
e arríncanlles a súa pel.
Rómpenlles en anacos os ósos,
para os poñer coma a carne no pote,
coma vianda no medio da cazola.
4 Entón clamarán ao Señor,
pero non lles responderá;
ocultaralles o seu rostro naquela hora,
xa que cometeron crimes cos seus feitos.

### Contra os profetas que explotan a súa misión

5 Así fala o Señor contra os profetas que desorientan o meu pobo, que claman: "paz", se morden algo cos dentes; pero proclaman guerra santa contra quen non lles pon algo na boca: 6 Por isto, teredes noite en vez de visión, teredes que estar ás escuras en vez de adiviñar; o sol porase para estes profetas e o día volverase escuro sobre eles. 7 Os que teñen visións avergonzaranse, e os adiviños encheranse de vergonza. Todos eles taparán o bigote, pois Deus non lles dá ningunha resposta.

### O profetismo de Miqueas

8 Pero eu, grazas ao espírito do Señor, estou cheo de forza, de sentenzas de xuízo e de coraxe, para lle facer coñecer a Xacob a súa rebeldía, e a Israel o seu pecado.

### Contra todos os dirixentes de Xudá

9 Escoitade, pois, isto, xefes de Xacob e dirixentes da casa de Israel, que volvedes abominable a sentenza xudicial, e facedes torto todo o que é dereito:
10 Construídes Sión co sangue vertido
e Xerusalén con perversidades.
11 Os seus xefes emiten veredictos
conforme aos regalos,
os seus sacerdotes dan a lei por un prezo,
e os seus profetas adiviñan por diñeiro,
e ademais apóianse no Señor, dicindo:
"Non está o Señor no medio de nós?
Ningunha desgraza nos acontecerá".
12 Por isto, por culpa vosa,
Sión será arado coma un campo,
Xerusalén converterase en ruínas,
e a montaña do templo
un conxunto de outeiros a monte.

**2**, 12-13 Estes dous vv. parecen estar fóra de lugar. Quizais nun primeiro momento estivesen a continuación dos interrogantes dos vv. 6-7. Durante o exilio en Babilonia, este texto foi desprazado do seu lugar, facendo del unha mensaxe salvífica para os exiliados (cf **1**, 5b).
**2**, 13 *O que abre camiño* é Deus, que entra como pastor á cabeza do seu rabaño.
**3**, 2-3 Nótese a gradación do exterior ao interior (pel, carne, óso), que teñen un valor antropolóxico moi concreto: a pel é a base da aparencia, da fama, da dignidade; e o óso é asento do espírito e da forza interior, da esperanza (cf Ecl **11**, 5; Ez **37**, 1-14).
**3**, 3 A acción destes dirixentes cobizosos e ladróns tende a quitarlle ao pobo toda posible esperanza (óso) de felicidade (carne) e de liberdade (pel).
**3**, 5 O termo *paz* ten en xeral o sentido de prosperidade, fartura, felicidade.
**3**, 7 "Tapar o bigote": avergonzarse profundamente.
**3**, 8 O profeta contrasta a actitude cobizosa dos profetas da fartura, que non terán resposta ás cuestións que se lles propoñan, coa súa experiencia de plenitude espiritual de sentenzas de denuncia. Isto non debe servir de base para negarlle ao autor a paternidade dos cc. **4**-**5**, pois a denuncia profética ten como finalidade a conversión e unha chamada á esperanza en mellores situacións.
**3**, 12 É a primeira vez, historicamente, que atopamos un oráculo sobre a destrución do templo de Xerusalén, do que se lembrarán os xentís, que escoitarán un século mais tarde a Xeremías (cf Xer **26**, 18).

# II. PROMESAS SALVÍFICAS

### Canto a Sión, berce da lei de paz e fartura universais

**4** [1]Velaquí: á fin dos días
o monte da casa do Señor
será creado no cume das montañas;
velaquí: será levantado
por enriba dos montes,
xuntaranse nel todas as xentes,
[2]e irán a el numerosos pobos, que dirán:
"Vide, subamos ao monte do Señor,
á casa do Deus de Xacob,
para que nos mostre os seus camiños,
e camiñemos polos seus vieiros.
Ollade: de Sión sairá a Lei,
e a palabra do Señor sairá de Xerusalén".
[3]Xulgará os preitos
entre numerosos pobos
e decidirá o que é xusto
entre os poderosos ata lonxe.
Na forxa as súas espadas
volveranse aixadas;
e as súas lanzas, podas.
Non levantará a espada
un pobo contra outro,
nin aprenderán de novo a facer a guerra.
[4]Cada un sentará debaixo da súa parra
e debaixo da súa figueira
sen que ninguén o atemorice.
Así falou a boca do Señor dos Exércitos.
[5]Si, todos os pobos camiñarán,
cada un no nome do seu deus,
pero nós camiñaremos
no nome do Señor,
o noso Deus, para sempre xamais.

### Deus Rei-Pastor, que xuntará o seu pobo en Sión

[6]No día aquel –é o Señor quen fala–
recadarei as ovellas que coxean,
e atraerei as espantadas para lonxe,
as que eu maltratei.
[7]E das que coxean farei un resto;
e das dispersas, un pobo poderoso.
O Señor será rei sobre elas
na montaña de Sión,
desde agora e para sempre.
[8]E ti, Torre do Rabaño,
montaña da filla de Sión,
a ti virá e entrará a soberanía de antano,
a realeza da filla de Xerusalén.

### As angustias de Sión acabarán en triunfo sobre os pobos xentís

[9]Agora, por que berras tan forte?
Non tes un rei onda ti?
Pereceu o teu conselleiro?
Embárgate unha dor
coma a de quen está a parir?
[10]Retórcete de dor e xeme,
filla de Sión, coma quen está a parir:
pois agora vas saír da cidade,
e vivirás no campo;
irás a Babilonia, e de alí serás liberada;
irás alá e rescatarate o Señor
da man dos teus inimigos.
[11]Agora únense contra ti
pobos numerosos, que din:
"Será execrado, que os nosos ollos
se comprazan vendo a Sión".
[12]Pero eles non coñecen
os plans do Señor,
nin comprenden a súa intención
de vos amorear coma os monllos na eira.
[13]Ponte de pé e trilla, filla de Sión,
que eu volvo de ferro o teu corno,
e os teus cascos vólvoos de bronce
para que tritures a pobos numerosos,
e para que entregues ao exterminio

**4**, 1-**5**, 4 Para moitos críticos, estes cc. **4** e **5** non son orixinais de Miqueas, senón postexílicos. Pensamos que, segundo a tradición que recolle Xer **26**, 18-19, os oráculos condenatorios provocaron a conversión do pobo, e os males non lles aconteceron. Loxicamente, Miqueas tivo que ter os seus oráculos salvíficos ante esta conversión, da que nos dá noticias 2 Cro **18**, 1-27 (cf nota a Is **2**, 2-5).
**4**, 1-5 (Cf Introd. 2). Literariamente é un himno a Sión como nova sede da Lei para os pobos, dunha lei que creará a paz entre os pobos e a fartura e tranquilidade. Non se trata da conversión dos pobos ao iavismo (cf v. 5), senón da Lei do Señor, como forma de arbitrio. Este pensamento cadra ben coas lóxicas aspiracións asirias. A semellanza de imaxes con **2**, 12, é grande.
**4**, 8 *A soberanía de antano*. Tal realeza é fundamentalmente a realeza divina, pero non exclúe a realeza temporal da dinastía davídica (cf **5**, 1-5). Quen queda excluído desta realeza é o rei do Norte, pois todo se centra en Sión, e constantemente Xacob e Israel están aludindo a Xudá.
**4**, 9-14 Alude ao asedio de Xerusalén polas tropas de Senaquerib, momento no que o profeta ten palabras de confianza e perspectivas de esperanza salvífica.
**4**, 9 *Un rei*, neste contexto concreto, é símbolo da realeza de Iavé, da que acaba de falar.
**4**, 10 *Xeme* traduce as convulsións do parto. A imaxe de convulsionarse ten sentido positivo, pois está antes do parto, e é intentado polo profeta.
**4**, 12 Coa imaxe da malla dos monllos quere Miq significar o castigo do exército de Senaquerib por unha peste á que se alude en 2 Re **19**, 35-37, e que silencian as crónicas asirias. Esta xesta cántana os vv. 13-14.

os seus despoxos en honor do Señor,
a súa riqueza en honor do Señor
de toda a terra.
14 Agora faite incisións,
filla de saqueadores;
puxéronnos asedio;
coa vara vanlle bater no rostro
ao xuíz de Israel.

**5** 1 E ti, Belén de Efratah, tan pequeniña
entre as familias de Xudá,
de ti vai saír un que será
o soberano de Israel;
a súa orixe é desde antigo,
desde os días do comezo.
2 El seranos conservado para sempre,
mentres haxa muller que dea a luz;
o resto dos seus irmáns volverá,
e serán devoltos os fillos de Israel.
3 Manterase firme e pastoreará
co poder do Señor,
coa gloria do nome do Señor,
o seu Deus,
e cando se instalen
ata o mesmo cabo da terra,
estenderá a súa grandeza:
4 "O da Paz" será o seu nome.
Asiria, entrará, así, na nosa terra
e penetrará no país,
pero de entre nós faremos xurdir
contra ela sete pastores e oito xefes,
5 que pastorearán a terra de Asiria
coa espada
e o país de Nimrod coa lanza.
Si, eles liberarannos desa Asiria,
que entrará na nosa terra,
e penetrará nos nosos lindes.

### O resto de Xacob, na época mesiánica

6 Estará o resto de Xacob
no medio das nacións numerosas,
coma a rosada que vén de parte do Señor,
coma a chuvia forte sobre a herba.
Certo que El non confía no home
nin espera nada dos humanos.
7 Estará o resto de Xacob entre os pobos,
e no medio de nacións numerosas,
coma o león entre as feras salvaxes,
coma o cachorro do león
entre as reses dun rabaño;
se entra, atrapa e esgaza,
non hai quen salve.
8 Ergue a túa man
contra os teus adversarios,
que desaparezan todos os teus inimigos.

### O Señor fará desaparecer os falsos apoios humanos

9 Velaí o que sucederá no día aquel
–é o Señor quen fala–:
Farei desaparecer os teus cabalos
e vou destruír os teus carros.
10 Farei arrasar as cidades do teu país,
e derrubar as túas fortificacións;
11 tamén farei desaparecer os teus bruxos,
xa non terás máis adiviños.
12 Si, esnaquizarei os teus ídolos,
e as túas imaxes simbólicas,
de xeito que non volvas prostrarte
ante o feitío das túas mans.
13 Si, aniquilarei do medio de ti
os símbolos da túa Axerah,
e desfarei as túas imaxes espidas.
14 Con ira e furor cobrarei a vinganza
contra os pobos que non obedezan.

**4**, 14 O termo *xuíz* significa xefe e liberador. As incisións poden ser as dos profetas extáticos, o que significaría entrar en transo profético, e anunciar que, por mala que sexa a situación, o rei de Israel e príncipe da paz vencerá. Deste xeito, os vv. 13-14 sérvenlle de introdución histórica a **5**, 1-5.

**5** Este dito profético, posterior á época de Ezequías, vén ser a resposta da fe a un problema teolóxico: un rei reformador e piadoso iavista como Ezequías, resulta politicamente un fracaso. Onde está logo o artigo de fe xudaica da elección de David e da súa dinastía? O profeta proxecta nun futuro indeterminado a realidade deste soberano en Israel que será "o da Paz", e que vencerá definitivamente a Asiria.

**5**, 1 *Tan pequeniña*: lit. "demasiado pequena para estares entre...".

**5**, 4 *O da Paz* aparece nos Salmos e nas taboíñas de Ugarit como título «divino»: dato moi importante, porque aquí é aplicado ao Mesías.

**5**, 3-4 Estes vv. remarcan o carácter teolóxico do poder do soberano, que será instrumento do poder de Deus, dando esplendor e despregue á súa forza salvadora.

**5**, 4 *No país*. Por mor do paralelismo, lemos así, co texto frixio e co siríaco, en vez de "os nosos pazos", como di o texto masorético.

Os números *sete* e *oito* teñen valor simbólico, como sucede tamén no ugarítico.

**5**, 5 *Nimrod* é símbolo de despotismo cruel, en Xén **10**, 8.

5, 6-8 O tema do resto de Israel é común con Isaías (cf Is **4**, 3...). Será un grupo reducido e purificado polas probas e sufrimentos, e cumprirase nel a bendición de Abraham (de Xén **12**, 3), expresada aquí cos símbolos da auga da chuvia e da rosada. A estrofa do v. 7 desenvolve o tema do poder deste resto coa imaxe do león salvaxe. Conclúe o oráculo cunha invitación á loita, para terminar cos inimigos.

**5**, 9-14 A finalidade deste oráculo é indicar que a vitoria non dependerá dos medios humanos, senón da pura fe do pobo e da manifestación do poder do Señor. El actuará a través deste resto, pois Deus quitará todos os apoios humanos, de xeito que a fe limpa sexa posible no resto fiel.

**5**, 13 A arqueoloxía confirma a existencia de imaxes de Axerah espida en Palestina, o mesmo que sucede en Grecia con Afrodita, a mesma deusa importada dos ámbitos cananeos.

# III. PREITO E AMEAZAS CONTRA ISRAEL

### Preito de revisión da Alianza

**6** [1]Escoitade, pois, o que di o Señor:
En pé! Convoca os montes a litixio,
e que os outeiros escoiten a túa voz.
[2]Escoitade, montes, o litixio do Señor,
escoitade a súa fidelidade,
fundamentos da terra,
pois o Señor ten un litixio
co seu pobo,
entra en disputa con Israel:
[3]–Meu pobo, que che fixen?,
en que te quebrantei? Respóndeme!
[4]Si, fixente subir do país de Exipto,
e rescateite da escravitude,
e mandei á túa fronte a Moisés,
a Aharón e a Miriam.
[5]Meu pobo, lémbrate
do que maquinaba Balac, rei de Moab,
e do que desde Xitim ata Guilgal
lle respondeu Balaam, fillo de Beor,
para que recoñezas
a fidelidade do Señor.

### Resposta do pobo, e oráculo

[6]–Con que me presentarei
diante do Señor?
Con que me prostrarei
ante o Deus Altísimo?
Presentareime diante del
con holocaustos?
Con becerros, crías dun ano?
[7]Compracerase o Señor
en miles de carneiros,
en millares de regueiros de graxa?
Deberei darlle o primoxénito
en expiación polo meu delito?
[8]–Home, xa se che explicou, que é o bo,
que é o que o Señor pide de ti:
practicar a xustiza, amar a fidelidade
e comportarte humildemente
co teu Deus.
[9]A voz do Señor bérralle á cidade:
–deste xeito verás o triunfo–.

### Oráculo de castigo contra Israel polas súas inxustizas

–Escoitade, tribo e asemblea da cidade:
[10]Podo eu soportar o canado tramposo,
tesouros inxustos
e tega escasa e maldita?
[11]Podo eu declarar lexítimas
as balanzas inxustas
e o saco con pesas falsas?
[12]Si, os ricos das cidades
están cheos de violencia,
os seus habitantes falan mentiras
e a súa lingua é falsa na súa boca.
[13]Velaí, tamén eu empecei a bater en ti,
a volverte unha desolación
por culpa dos teus pecados.
[14]Ti comerás e non te fartarás:
a túa ruína está no teu ventre.
Gardarás algo, pero non o salvarás,
e o que salves eu entregareino á espada.
[15]Sementarás, pero non colectarás.
Pisarás as olivas,
pero non te perfumarás co aceite;
pisarás as uvas, pero non beberás o viño.

**6**, 1-9 O preito de Iavé é un acareo xudicial ante as testemuñas da Alianza. Deus recorda a súa fidelidade a estes compromisos (vv. 4-5...). Nos vv. 6-7 presenta a resposta do pobo aos compromisos da Alianza: centrouse soamente no culto, e nun culto non sempre lexítimo. Pero o profeta, na forma literaria dunha torah profética, concreta as esixencias de Deus sobre o pobo.
**6**, 2 *Escoitade a súa fidelidade*. A raíz do vocábulo hebreo empregado ten o sentido de firmeza, de inmutabilidade (cf Xén **49**, 24; Éx **14**, 27; Núm **24**, 21; Dt **21**, 4). *Montes* alude sen dúbida ao Sinaí, lugar onde se concluíu a Alianza, e ao Ebal e Garizim, onde tiña lugar a liturxia da renovación da Alianza.
**6**, 5 *Fidelidade*. Emprégase aquí un nome en plural abstracto, que inclúe os aspectos de fidelidade ás promesas, e os actos salvíficos concretos.
**6**, 7 A alusión aos sacrificios dos propios fillos pode ser un costume cananeo practicado por algúns reis de Xudá (cf 2 Re **16**, 3; **21**, 6), e que proliferou entre o pobo de Israel no s. VIII (cf o testemuño de Amós e Oseas).
**6**, 8 As esixencias fundamentais da Alianza non son de tipo cúltico (cf Am **5**, 24-25), senón máis ben de exercicio da xustiza e do dereito, cumprindo os preceptos do Señor, correspondendo así á fidelidade e ao amor de Deus.
**6**, 9a *Verás o triunfo* (lit. "o éxito mostrará o teu nome"). Tendo en conta que o nome é a manifestación dinámica da propia personalidade, a bendición divina que acompañará o cumprimento da Alianza mostrará que o pobo é o pobo de Deus.
**6**, 9b-16 Este oráculo, dirixido á tribo e asemblea da cidade, pódese referir á situación histórica de Samaria durante o reinado de Oseas (732-722), cando o reino de Israel quedou reducido a pouco máis ca a cidade de Samaria e o campo do seu arredor. Acúsaos de inxustizas no trato comercial, de falsidade e violencia. Supón xa unha situación de castigo anterior que sería a redución do territorio do ano 732, e anuncia un castigo maior, se non se converten.
**6**, 10 *Canado*: medida de líquidos, equivalente a 45 l.
**6**, 11 *Declarar lexítimas*. O verbo empregado hai que entendelo en forma causativa, como fixo a Vulgata.
**6**, 14 *O ventre* é o asento da cobiza. Os impostos fortes que tiñan que pagar a Asiria volve a clase rica cobizosa e avarenta; pero esta avaricia será inútil.
**6**, 15 O aceite virxe recende ben, e era naqueles tempos o principal perfume e cosmético.

16 Si, obrigóusevos a cumprir
os decretos de Omrí,
e todos os feitos da casa de Acab,
e comportástesvos conforme
as súas ordes.
Por iso eu convertereivos nun horror;
e aos habitantes da cidade, nunha burla.
Teredes que aturar
o escarnecemento dos pobos.

**Ai pola xeneralización da inxustiza**

**7** 1 Ai de min! Pois veño ser
coma os que fan a colleita do verán,
coma as mulleres
que rebuscan na vendima;
non hai nin un acio para comer,
nin figo temperán que satisfaga
o meu gusto.
2 Desapareceu do país o home piadoso,
non hai na superficie da terra
home recto,
todos eles axexan para verter sangue,
cada un caza con rede a seu irmán.
3 As súas mans están adestradas
para o mal:
o príncipe asoballa,
o xuíz extorsiona por diñeiro,
e o grande fala a palabra
do seu propio apetito,
4 por el a súa bondade dóbrase
coma un espiño,
a súa rectitude, máis ca unha silveira.
O día das sentinelas,
o día da túa inspección, xa chegou:
Agora será a desolación:
5 Vós non confiedes no compañeiro,
non vos fiedes do amigo;
garda ben as portas da túa boca
mesmo da que se deita no teu seo.
6 Porque o fillo deshonra ao pai,
e a filla levántase contra súa nai,
a nora contra a súa sogra;
os inimigos serán os da propia casa.
7 Pero eu mirarei atentamente
para o Señor,
esperarei no Deus da miña salvación,
e o meu Deus escoitarame.

## IV. ESPERANZA SALVÍFICA

**Resposta esperanzada aos insultos da inimiga (Asiria)**

8 Non te rías de min, inimiga miña.
Se estou caído, levantareime.
Se habito na tebra,
o Señor servirame de luz.
9 Soporto a ira do Señor,
xa que pequei contra El:
ata que xulgue a miña causa
e execute a miña sentenza.
El sacarame á luz,
para que vexa eu a súa salvación.
10 Veralo, inimiga miña,
e cubriraste de vergonza,
ti que me dis:
"Onde está o Señor, o teu Deus?".
Os meus ollos gozarán
contemplándote:
deseguida vas ser pisada
coma a lama das rúas...

**6**, 16 Estas alusións a *Omrí* (885-874) e a *Acab* (874-853) refírense ao cambio do tipo de monarquía en Israel, de constitucional e anfictiónica a monarquía absolutista, ao estilo cananeo e segundo o culto cananeo imposto (cf 1 Re **16**, 26. 31-34; **21**, 26). Estas alusións a Omrí e Acab soamente son comprensibles nun profeta que estea ao tanto das tradicións e historia do reino do Norte; e o lugar lóxico da conservación destas tradicións ten que ser o santuario de iavismo puro de Xequem, co que está en contacto o II Miqueas.
**7**, 1-2 As imaxes da recolleita das espigas que quedan nos campos e do rebusco da vendima sérvenlle ao profeta para remarcar a desaparición dos xustos.
**7**, 3 *A palabra* ten aquí o sentido de "fallo xudicial". *Do seu propio apetito*: lit. "do apetito da súa propia gorxa". "Néfex" mostra o dobre sentido de apetito e gorxa. Refírese á actitude egoísta e cobizosa dos dirixentes.
**7**, 4 *A inspección* é a visita de Deus para salvar o home xusto (cf v. 7) e para castigar coa desolación ao impío.
**7**, 5 A situación de desconfianza xeneralizada é o signo da impiedade, que espera o seu castigo. O castigo foi, sen dúbida, a invasión do 732.
7, 6 Citado en Mt **10**, 35-36 e paralelos.
**7**, 7 *Mirarei atentamente*: coma o vixiante que espera ao exército aliado. Contrástase a seguridade do profeta na salvación, coa desolación que lles espera aos egoístas e cobizosos.
**7**, 8-10 *A inimiga* é Asiria. Pero co golpe de estado de Oseas no ano 732, animado polos grupos proféticos e relixiosos de Xequem (cf 2 Re **17**, 2b), queda unha esperanza de restauración, o triunfo sobre o inimigo, polo poder de Iavé.

**Oráculo de restauración para Israel, e de castigo para a inimiga**

[11]Chega o día de reconstruír a túa muralla,
ese día alongarase a túa fronteira.
[12]O día aquel, mesmo
desde Asiria e Tiro virán onda ti,
e desde Tiro ata o Éufrates,
desde un mar ao outro mar,
desde unha montaña á outra montaña.
[13]E a súa capital volverase unha desolación,
por culpa dos seus xefes,
polo froito das súas obras.
[14]Pastorea ao teu pobo co teu caxato,
o rabaño da túa herdanza,
que vive solitario na foresta,
no medio dunha fértil camposa.
Que pazan en Baxán e Galaad,
coma nos días doutros tempos.
[15]Coma nos días da túa saída de Exipto,
fainos ver marabillas.
[16]Que os pobos o vexan e se avergoncen,
a pesar de toda a súa forza,
que poñan a man na boca,
e que os seus oídos enxordezan.
[17]Que lamban o po coma a cobra,
coma os que se arrastran pola terra;
que saian tremendo dos seus buratos
onda o Señor, noso Deus,
que estarrezan e che teñan medo a ti.

**O perdón de Deus**

[18]Que Deus hai coma ti,
que quita a iniquidade,
e lle pasa por alto o pecado
ao resto da súa herdanza,
que non se obstina para sempre na ira,
senón que lle ten amor á misericordia?
[19]Cambiará de actitude,
terá compaixón de nós,
esmagará as nosas iniquidades.
Si, ti botarás no fondo do mar
todos os nosos pecados!
[20]Dálle a Xacob probas de fidelidade,
a Abraham probas de amor:
así llelo xuraches aos nosos pais
desde os tempos antigos.

**7**, 11-17 Oráculo de restauración para Israel. Probablemente llo anunciou ao novo rei, Oseas. E, aínda que a nación foi ao fracaso dez anos máis tarde, o reino de Israel, purificado polo fracaso, esperará a restauración celeste.
**7**, 11 Invitación dirixida ao rei Oseas e ao pobo, a esperar na reconstrución de Samaria e na recuperación das fronteiras tradicionais, tan recortadas pola invasión asiria do 732.
**7**, 13 *A súa capital* (da inimiga). O termo "eres" significa aquí a capital dun estado; e o artigo dálle un valor demostrativo. Polo contexto, soamente se pode referir a Nínive, a capital da inimiga Asiria.
**7**, 14 Oráculo que pode moi ben referirse á investidura do rei Oseas. O seu posto aparece como continuación da realeza de Deus.
**7**, 16 *Poñer a man na boca* era signo de vergonza e confusión.
**7**, 18-20 As promesas feitas aos patriarcas seguen en pé, pois cos castigos do 732, os pecados están xa perdoados, e o castigo de Deus é inferior á súa misericordia.

# INTRODUCIÓN A NAHUM

## 1. O personaxe e a súa época

*O pouco que nos refire o libro de Nahum sobre o seu autor resulta escuro, pois en* ***1****, 1 cualifícase o autor cun adxectivo xentilicio (en heb. "elqoxí"), que traducimos por "elcuxita"; pero Elcox, de onde é natural o profeta, non aparece en ningún outro lugar da Biblia. S. Xerome identifícao con El Kanze ou Cafarnaúm, na Galilea. San Epifanio, en troques, pensa que a súa localización hai que buscala en Xudá. Os comentaristas de principio de século, fixándose no realismo e viveza con que Nahum describe a caída de Nínive, identificaron o seu lugar de orixe con Alqus, ao norte de Nínive. As referencias a Nínive (****3****, 14...) e algúns termos con parecidos asirios púidoos coñecer Nahum polos contactos con arrieiros que traficaban con Asiria. No caso hipotético de que o autor fose un israelita deportado, quedarían sen explicación algunhas pasaxes da súa obra, como* ***2****, 1 (anuncio da salvación de Xudá). Con todo, hai que recoñecer que a súa mensaxe salvífica e de consolación tamén se estende ao reino do Norte, que sucumbira contra Asiria e que fora deportado. O nome do autor significa "consolado", "animado", o que encaixa ben co sentido teolóxico da súa obra, que é unha mensaxe de alento e consolación para Xudá e Israel, e para o resto dos pobos sometidos ao durísimo xugo asirio. Nomes derivados da mesma raíz aparecen na Biblia: Menahem (2 Re* ***15****, 17; Feit* ***13****, 1); e Nehemías (Neh* ***1****, 1).*

*Sobre a época na que vive Nahum, ofrece o texto dúas datas: a caída de Nínive, acontecida no 612 a mans dos medos, aliados co primeiro rei neobabilonio, Nabopolasar (Nah* ***2****, 4-****3****, 19); e a outra data é a da caída de Tebas, chamada No-Ammón (=cidade de Ammón), na segunda campaña de Asurbanipal contra Exipto, no 663 (****3****, 8-11). A actividade de Nahum hai que situala entre os anos 650 e 640/39. O texto de Nah* ***2****, 4-****3****, 19 hai que consideralo verdadeira profecía, proclamada uns trinta e oito anos antes. As súas palabras non caían en saco roto. De feito, existía nesta segunda metade do século VII toda unha serie de signos dos tempos: o cambio dinástico en Exipto, o imperio escita –no centro norte da actual Turquía–, que fará unha incursión en Exipto no 625, (cf Introd. a Xoel e Sofonías) e que constituía un perigo para o imperio asirio; as inmigracións dos caldeos (tribos da desembocadura do Éufrates) a Babilonia, onde chegarán a facerse co poder, no ano 625, sendo Nabopolasar o rei de Babilonia; e a forza crecente dos pobos da Media, atentos ao que puidese pasar.*

*Por outra parte, con Asurbanipal comeza un movemento cultural de renacemento das vellas culturas dos antepasados (que vai ter como expresión a grande biblioteca de Asurbanipal en Nínive), e que vai ser imitado en Exipto por Psammético I (663-609), ata promover a afirmación independentista dos distintos reinos vasalos de Asiria.*

*A situación de Xudá é a seguinte: nos anos 650 reina Menaxés (687-642), rei impío e idólatra, que paga o tributo ao rei de Asiria. Ao morrer Menaxés (ano 642), o seu fillo e sucesor Amón ten fortes dificultades –descoñecidas para nós–, que o levan dous anos máis tarde á morte violenta (2 Re* ***21****, 23). O libro dos Reis cualifica a Amón como un fiel seguidor dos pasos do seu pai (2 Re* ***22****, 20. 23). Pensamos que isto non soamente se refire ao exercicio da idolatría, senón tamén á submisión total a Asiria. En 2 Re* ***21****, 24 dise que o exército executou os conxurados contra o rei, sen precisar nomes. Non obstante, coidamos que entre este grupo debeu estar o profeta Nahum.*

*Máis ca un profeta nacionalista, vemos en Nahum o profeta da liberación do tirano e opresor dos pobos, e o fustrigador de quen se somete ao tirano sen recoñecer o valor da fe na palabra de Deus, comunicada polo profeta en forma de ameaza e chamada á conversión.*

## 2. División do texto

*–Título:* ***1****, 1.*

*–Himno ao Deus liberador dos inimigos:* ***1****, 2-8.*

*–Oráculos dirixidos aos xefes de Xudá no ano 640:* ***1****, 9-****2****, 1.*

*–Profecía sobre a caída de Nínive* ***2****, 2-****3****, 19.*

# NAHUM

**1** [1]Oráculo contra Nínive. Libro das visións
de Nahum, o elcuxita.

### Himno ao poder do Señor, na súa ira e na súa bondade

Alef [2]Deus celoso e vingador é o Señor.
O Señor víngase dos seus adversarios,
El é quen se acende en ira
contra os seus inimigos.
[3]O Señor vai devagar para a ira,
pero é grande en poder,
e non deixa sen castigo a ninguén.
Bet Ten o seu vieiro
no furacán e na tormenta,
as nubes son o po dos seus pés.
Guímel [4]Arremete contra o mar
e faino secar,
e todos os ríos quedan esteados.
Dálet Murchan Baxán e o Carmelo,
e tamén a flora do Líbano.
He [5]Os montes tremen diante del,
estremécense os outeiros.
Vau A terra soérguese ante a súa presenza,
o mesmo ca o orbe
e todos os seus habitantes.
Zain [6]Na presenza do seu anoxo,
quen se terá de pé?
Si, quen se levantará
ante a indignación do seu rostro?
Het O seu furor esténdese coma o lume,
os penedos esnaquízanse ante El.
Tet [7]O Señor é bondadoso,
é refuxio no día da angustia,
Iod El coñece os que confían nel,
[8]cando El pasa na inundación.
Kaf Realiza a destrución
nos que se levantan contra El,
e aos seus inimigos
perségueos na tebra.

### Palabras dirixidas aos xudeus proasirios

[9]Que matinades vós contra o Señor?
El é quen realiza a destrución:
a angustia non se levantará dúas veces.
[10]O mesmo ca unha silveira revolta
serán consumidos totalmente;
coma a palla seca
tamén eles serán devorados,
[11]pois de ti saíu
o que maquina o mal contra o Señor,
o conselleiro malvado.

### Oráculo salvífico, dirixido a Xudá

[12]Así fala o Señor:
Aínda que estean completos
e sexan ben numerosos,
serán cortados e pasarán.
Humilleite,
pero non te volverei humillar.
[13]Si, agora romperei
o xugo que puxo sobre ti,
e rebentarei as túas cadeas.

**1**, 1 *Nahum*: transcrición literal do nome hebreo.
Este libro noméase tamén "Visión", para significar a comunicación divina, feita ao profeta. A profecía de Nahum sobre a caída de Nínive é toda unha visión profética, chea de realismo e de impresionismo (**2**, 4-**3**, 19).
**1**, 2-8 Esta unidade literaria é un himno, con estrutura acróstica, aínda que faltan as invitacións do pobo á loanza. Pola súa intención ben se pode considerar como un himno profético, pois, aínda que non describe as accións de Deus nun futuro, expresa en imaxes o poder de Deus (vv. 3b-5), que arremete contra os inimigos (vv. 2-3. 6), que protexe e axuda aos que confían nel (vv. 7-8). Este himno (que algúns non consideran auténtico), serve de preludio teolóxico, e de experiencia vocacional profética.
**1**, 2 O poder do Señor ponse en acción polos celos amorosos polo seu pobo, e por ser o vingador dos males que lle fan.
**1**, 3b-5 Estes vv. describen o poder do Señor, coas imaxes con que os cananeos representaban a Baal: "o cabaleiro das nubes", e "o vencedor da divindade primordial acuática e diabólica" (*Iam* = o mar, símbolo da tiranía dos inimigos de Deus, os asirios). O v. 5 refírese á tormenta e aos tronos, que eran os outros atributos de Baal. O verdadeiro Deus de todas estas manifestacións cósmicas é Iavé, que deste xeito nos mostra o seu poder.
**1**, 6 Ante tal poder, quen pode ser o home que se crea poderoso e tiranice, en vez de someterse a El, que é bondadoso e protector do débil?
**1**, 7-8 Contrastan a bondade e auxilio divino para os que confían nel, coa destrución que levará a cabo contra os que se lle sublevan.
**1**, 9-11 Estes vv. deben aludir á situación que segue á entronización de Amón no trono de Xerusalén. Os que maquinan contra o Señor son o rei e demais partidarios dunha política proasiria e idolátrica como a de Menaxés. Os vv. 9b-10 son referencias ao himno precedente e á destrución e queima que Iavé inflixirá aos asirios. O pronome ti (coma no resto da sección) refírese a Xerusalén. Quen maquina o mal contra o Señor debe de ser Menaxés, pola súa política idolátrica e de total submisión a Asiria. Tamén podería referirse a algunha autoridade militar ou fiscal asiria.
**1**, 11 *Malvado* ten un sentido de poder maligno e diabólico, como en Dt **13**, 14; Sal **18**, 5 e nas apocalipses (cf v. 4 e nota a 3b-5). Deste xeito cualifícase a tiranía asiria como manifestación do poder demoníaco.
**1**, 12-13 Conteñen un oráculo salvífico que se refire á liberación de Xudá do xugo asirio, ao mesmo tempo que, por contraste, alude ao poder asirio e á súa desaparición. A humillación de Xudá refírese aos fortes tributos e á submisión total, que incluía a idolatría no templo de Xerusalén.

**Oráculo de castigo contra o rei Amón**

[14]O Señor dá esta orde contra ti:
Xa non se volverá esparexer
a semente da túa familia;
dos templos dos teus deuses
farei desaparecer as imaxes
esculpidas e as fundidas.
Prepararei a túa sepultura,
pois tes pouco peso.

**Oráculo salvífico, dirixido a Xudá e Israel**

**2** [1]Velaí: polos montes
corre un mensaxeiro de boas novas,
anuncia a paz:
Celebra as túas festas, Xudá,
cumpre os teus votos,
que o malvado
xa non cruzará máis polo medio de ti:
está sendo aniquilado totalmente.

## A CAÍDA DE NÍNIVE

**Visión da caída de Nínive**

[2]Unha forza de choque atácate de fronte.
Monta garda na praza forte,
vixía o camiño,
cingue ben o teu lombo,
fortalece ao máximo a túa forza.
[3]Certo, o Señor volverá á viña de Xacob;
si, á viña de Israel.
Tíñana arrasada os desoladores,
tiñan esgazadas as súas vides.
[4]Os escudos dos seus soldados
están vermellos,
os seus soldados están
vestidos de púrpura.
Os carros brillan co relucir dos ferros:
o día da súa formación
axítanse coma as lanzas.
[5]Os carros dan voltas polas rúas,
corren dun lado para outro polas prazas,
parecen fachóns, lánzanse coma raios.
[6]El failles recordar algo aos seus capitáns,
tropezan entre si no camiño,
corren de présa cara ao muro da cidade,
e xa está preparado o refuxio.
[7]Ábrense as portas que dan ás canles
e o templo derrúbase.
[8]A imaxe da deusa é levantada
e levada cativa,
laméntanse as súas sacerdotisas
coma pombas que arrolan,
dan golpes sobre os seus corazóns.

**Vanse as riquezas de Nínive**

[9]Velaí Nínive!
Toda ela é unha poza: como corre a auga!
"Para, detente!".
Pero non hai quen a faga dar volta.
[10]Saqueade a prata, saqueade o ouro!
Non ten fin a súa riqueza,
o esplendor das súas alfaias.
[11]Pillaxe, saqueo, roubo!
Os corazóns teñen quebrantos,
tremen os xeonllos,
estremecementos por todo o corpo,

**1**, 14 Oráculo contra Amón, pola política idolátrica e de submisión a Asiria. Non se di que Deus arrasará os templos dos seus deuses (como sería lóxico se se referise a Asiria), senón que fará desaparecer as imaxes dos seus deuses, presentes nos templos de Iavé.
*Da túa familia*: lit. "do teu nome". O nome é a persoa no seu dinamismo, e aquí no seu poder xenético. Equivale a dicir que xa non terá máis fillos.
*Prepararei a túa sepultura*. Sen dúbida, foron estas palabras as que animaron ao grupo independentista e nacionalista a asasinar o rei Amón.
**2**, 1-3 Dous oráculos salvíficos, dirixidos a Xudá (v. 1) e a Israel (v. 3), e mais a visión da caída de Nínive (v. 2; cf v. 14).
**2**, 1 *O mensaxeiro de boas novas* (heb. "mebasser"; grego, "euanguelistes"), pode referirse a un mensaxeiro que trae noticias dos triunfos liberadores do faraón Psammético I contra a dominación asiria en Exipto. Tamén pode ser unha ficción poética do profeta, que quere anunciar unha nova situación de liberación. *A paz* (heb. "xalom") indica aquí a liberación. O mandato de celebrar as festas implica a acción de grazas a Deus e a purificación dos cultos pagáns, pois son as festas de Xudá. *Está sendo aniquilado*: non implica unha situación histórica actual, senón que o profeta ve nos plans de Deus a desfeita de Asiria.
Este verso aplícase a Xesús en Feit **10**, 36; aos apóstolos, en Rm **10**, 15; e aos cristiáns, en Ef **6**, 15.
**2**, 2. 4-8 Visión profética da caída de Nínive, introducida por unhas ordes sarcásticas de prepararse para a defensa da cidade (v. 2), e seguida dunha descrición do ataque invasor (vv. 4-5). O v. 6 refírese ás reaccións dos asediados e ás ordes dun rei ou capitán adurmiñado (cf **3**, 18). Os vv. 7-8 non esquecen o ridículo do referido no v. 2, pois a destrución de Nínive exprésase co abrirse das súas portas ante os inimigos, co esborrallamento do templo de Ixtar, e coa imaxe da deusa levada cativa, mentres as sacerdotisas se lamentan. No fondo, é unha descrición da inutilidade do culto idolátrico.
**2**, 9-14 A auga, símbolo da vida e da riqueza, convértese nunha poza esborrallada que se vai como se van as riquezas de Nínive (vv. 9-11). Emprégase ademais a imaxe do león, que durante o tempo da cría xunta presas para a leoa e para os cachorros; pero ese león (Asiria), atópase agora coa ira omnipotente de Iavé, simbolizada na queima e na espada (vv. 13-14). Esta última é a estrofa que dá sentido teolóxico a toda a visión: a caída de Nínive, coa súa tiranía opresiva e acaparadora, será obra de Iavé, xusto xuíz da historia.
**2**, 11 *As caras de todos xúntanse*: míranse uns a outros, buscando unha solución.

as caras de todos xúntanse
ante tal maldición.
12 Onde está a gorida dos leóns?
Onde está o campo de presa
para os cachorros dos leóns?
Cara a onde camiña o león
para levar os cachorros da leoa,
sen que haxa quen os asuste?
13 O león caza por causa dos cachorros,
esnaquiza para as súas leoas;
a cova está chea coas súas presas,
e o cubil cos anacos de carne.
14 Velaquí me tes contra ti
–di o Señor dos Exércitos–:
Vou queimar na fumareda os teus carros
e a espada devorará os teus cachorros,
farei desaparecer da terra a túa cova,
e non se volverá oír a voz
dos teus mensaxeiros.

### Oráculos de castigo contra Nínive

**3** 1 Ai da cidade asasina!
Toda ela é un grande engano,
está chea de botíns, non para de rapinar.
2 Estalos das trallas,
ruído e estrépito de rodas,
cabalos galopando, carros troupeleando,
3 cabalos empinados, relucir de espadas,
chispear de lanzas, miles de mortos,
moreas de cadáveres.
4 Por culpa das moitas prostitucións
da prostituta,
tan fermosamente agraciada,
mestra de encantamentos,
a que trafica entre os pobos
coas súas prostitucións,
entre os países cos seus encantamentos.
5 Velaquí me tes contra ti
–di o Señor dos Exércitos–:
Levantareiche as saias ata a cara,
para mostrarlles ás nacións a túa nudez,
e aos reinos as túas vergonzas.
6 Tamén botarei
por enriba de ti inmundicias,
tratareite con desprezo,
volvereite un espectáculo.
7 Sucederá que todo aquel que te vexa,
fuxirá de ti, e dirá:
"Nínive está arruinada,
quen sentirá pena por ela?
De onde procurarei quen te console?".

### Nínive non é mellor ca Tebas

8 Acaso es ti mellor ca a cidade de Amón,
asentada onda o Nilo,
con auga ao seu arredor?
O seu antemural era o mar;
a auga, as súas murallas.
9 Etiopía era a súa forza e tamén Exipto,
forza sen límites.
Put e os libios estaban no teu exército.
10 Tamén a cidade de Amón foi ao exilio,
ela foi á catividade;
os seus meniños foron esnaquizados
nas encrucilladas de cada rúa.
Sobre os seus nobres botáronse sortes,
e todos os seus grandes
foron atados con cadeas.
11 Tamén ti te darás en alugamento,
volverás ser moza de rúa;
tamén ti buscarás refuxio
onda os teus inimigos.

### Inutilidade das defensas de Nínive

12 Todas as túas fortificacións son figueiras,
e as túas tropas figos temperáns:

**3**, 1-7 O *Ai* serve aquí para introducir unha acusación contra Nínive, á que se lle engade o anuncio de castigo nos vv. 2-3, sen fórmula de unión. Os vv. 4-7 constitúen outro oráculo en forma máis clásica: acusación de prostitución (alianzas opresivas con outras nacións, e de encantamentos para explotar os pobos sometidos: v. 4), e o anuncio de castigo (presenta a Iavé con intención de executar con Nínive o castigo das prostitutas: vv. 5-7; cf Ez **16**, 36-43; **23**, 25-30; Os **2**, 5).

**3**, 2 Os desastres que aquí se describen fan alusión a **2**, 4, polo que se han de considerar coma o castigo que Deus executará con Nínive, e non tanto a descrición das maldades das tropas e dominación asiria.

**3**, 4 A prostitución aquí non é a infidelidade idolátrica, pois Asur non ten feita unha alianza co Deus único, senón que se refire aos pactos coas nacións sometidas, que levaban consigo fortes tributos. É a imaxe da prostituta que lle come ao querido canto ten, e que o escraviza deste xeito, como o deixa ver a expresión paralela do encantamento.

**3**, 8-11 Sobre as datas e situación histórica, cf Introd. O exemplo da caída de "No-Amon" (Tebas, a cidade do deus exipcio Amón), fainos ver que Nahum nos di de Nínive unha auténtica profecía, pois a única finalidade desta alusión é facer crible aos xudeus a súa mensaxe de que ao poder de Deus non hai quen chegue.

**3**, 9 *Etiopía* ("Cux"). O faraón Tirhaka (o mesmo ca os da dinastía XXV) era etiópico. *Put* debe ser a rexión costeira de Somalia (cf Is **66**, 19).

**3**, 10 Os castigos aos que se refire eran os que aplicaban os asirios aos pobos vencidos, segundo consta polos baixorrelevos asirios.

**3**, 11 *Daraste en alugamento*: o sentido do vocábulo hebreo alude a entregarse a outro pobo para ser escravizado por el, sentido oposto ao da prostituta embruxadora do v. 4.

**3**, 12-17 Esta unidade insiste no mesmo tema da debilidade de Asiria (cf vv. 8-11), indicando que o seu poder é tan débil coma o dos mercadores e militares interesados, que desaparecen ante as dificultades.

**3**, 12 A fraxilidade da seguridade asiria compárase coa fraxilidade do pau de figueira, que lle serve ao autor para insistir no pouco interese e apego das tropas mercenarias asirias por este imperio.

se as abalan, caen na boca
de quen os come.
[13]Velaí as túas tropas: son mulleres;
as portas da túa cidade
ábrenselles aos teus inimigos,
e o lume consome as túas trancas.
[14]Saca as augas para o asedio,
reforza as túas cidadelas.
Entra na telleira e pisa o barro,
colle con forza os moldes
para os ladrillos.
[15]Velaí o lume que te vai devorar,
a espada farate desaparecer,
vaite devorar coma se fose
unha larva de saltón.
Multiplícate coma a eiruga do saltón,
multiplícate coma o saltón medrado.
[16]Multiplica os teus mercadores,
máis ca as estrelas do ceo:
a eiruga do saltón deixa o casulo e voa.
[17]Os teus gardas son coma saltóns;
e os teus oficiais de recrutamento,
coma as eirugas,
que se poñen nas murallas un día de frío.
Sae o sol, e vanse,
e o seu lugar non se coñece.

**A ledicia de quen saiba da desfeita de Nínive**

[18]Onde están durmindo os teus pastores,
rei de Asiria?
Onde están descansando os teus nobres?
A túa tropa expira sobre os montes,
e non hai quen a xunte.
[19]Non hai alivio para a túa fractura,
a túa ferida é incurable.
Todos os que escoiten noticias túas,
baterán as palmas por ti,
pois sobre quen non pasou
decotío a túa ruindade?

**3**, 13 A comparación das tropas coas mulleres alude á volubilidade, non ao medo: andan ao sol que máis quenta, polo que se renderán, e a cidade será incendiada.
**3**, 14 Se non hai cisternas, non hai onde depositar auga para resistir o asedio.
**3**, 15-16 Así como os saltóns esquilman todo, así os mercadores acaban con Asiria.
**3**, 18-19 As inquedanzas culturais de Asurbanipal desde os anos 650 provocan un desinterese dos xenerais e dos nobres pola vida militar, o que, unido ás inxustizas, fere de morte ao imperio asirio.

# INTRODUCIÓN A HABACUC

## 1. A persoa do profeta

*O autor do libro preséntase sen datos de filiación nin de lugar de orixe. O seu nome pode proceder do hebreo e significar "acariciar" (cf 2 Re **4**, 16), ou derivar do asirio "ambaquqv", que designa unha planta, probablemente a casia (cf tamén Dn **14**, 33-39).*

*O texto de Daniel que acabamos de citar, infórmanos de que Habacuc era levita, xa que a súa principal actividade está ligada a unha liturxia penitencial. Con todo, a historicidade dese dato é sospeitosa, pois na liturxia penitencial interviña o profeta cúltico, como orante e como descubridor da palabra de Deus; e, por outra banda, a referencia de Dn **14**, 33ss pode estar en función do midrax de Hab **3**, 1ss.*

*Descoñecemos o procedemento ou tradición que levou ao autor de Dn **14**, 33-39 a presentar o noso profeta como o portador de alimentos a Daniel, prisioneiro na cova dos leóns: quizais haxa que pensar no significado medicinal do seu nome, pois a casia era empregada desde moitos séculos antes como menciña.*

*Non obstante a falta de datos, o protagonista do libro é un carismático que vivía fondamente a problemática do seu tempo, ata o punto de deixar a actitude tradicional dos profetas (a de esperar quedos a palabra ou visión divina), para provocar a resposta de Deus cunha actitude de oración de queixa, pola situación angustiosa que vive o seu pobo (cf **1**, 2-4.12-17).*

## 2. Circunstancias históricas

*Aínda que o florecemento dos caldeos comeza no ano 625, con todo naquel momento aínda están moi lonxe de Xudá e de Palestina en xeral. No 612, Nabopolasar arrasa Nínive. Tres anos máis tarde (o 609) o faraón Nekó diríxese a Harán para axudar a un grupo de asirios, cando Ioxías lle presenta batalla en Meguido e alí morre o rei de Xudá (2 Re **23**, 39). Esta morte provoca unha profunda crise en Xudá e a caída dos promotores da reforma de Ioxías. Ioacaz, fillo de Ioxías, sucédeo no trono só ata tres meses máis tarde, cando o faraón Nekó o levou encadeado a Exipto, onde morreu. No seu sitio, o faraón nomeou rei de Xudá a Eliaquim, outro fillo de Ioxías, ao que lle cambiou o nome por Iehoiaquim (que transcribimos por Ioaquim) (609-598). Entre o 609 e o 605 floreceu o imperio exipcio, que se estendeu ata as marxes do alto Éufrates, en Kárkemix, tendo a súa capital en Ríblah. Este dominio exipcio, que levaba consigo o pago de tributos por parte de Xudá, foi a fonte principal das inxustizas e rivalidades das que se queixa o profeta (**1**, 2-4).*

*No ano 605 o caldeo Nabopolasar delega os poderes militares no seu fillo Nabucodonosor, que o sucederá no mesmo ano, ao morrer seu pai. Sendo aínda príncipe-xeneral, Nabucodonosor derrota aos exipcios en Kárkemix, e perségueos ata Hamat, e probablemente ata Ríblah, acabando así co exército exipcio.*

*A devandita liturxia penitencial verdadeiro núcleo do libro de Habacuc, debeuse celebrar no verán do 605, pois xa os caldeos fixeran abonda manifestación de poder como para xustificar as expresións de Habacuc e para significaren unha ameaza para Xudá, que neste momento queda sen potencia dominadora. É este xustamente o momento no que o profeta puido concibir as súas esperanzas de liberación e protección para o Unxido, pois no 604 cae Axquelón, e daquela posiblemente quedara Xudá sometida xa ao tributo que lle imporía Babilonia.*

*Aínda que a actividade literaria de Habacuc quede reducida a unha liturxia de tipo penitencial, iso non quere indicar que a súa actividade profética haxa que limitala a ese único momento recollido na tradición literaria.*

## 3. Estrutura e xénero literario da obra

*–Nome do profeta, e título da obra: **1**, 1.*

*–Oración de lamentación pola inxustiza de Xudá: **1**, 2-4.*

*–Oráculo de resposta divina ás queixas do profeta: os caldeos, instrumento do castigo das inxustizas de Xudá: **1**, 5-11a.*

*–Nova oración de queixa ou lamentación do profeta polas inxustizas, avaricia e opresión caldea contra as nacións: **1**, 12-17.*

*–Oráculo de resposta divina, coa promesa de que o xusto vivirá pola súa fe, mentres que a soberbia e a riqueza non ofrecen ningunha seguridade: **2**, 1-5.*

*–Serie de cinco Ais (maldicións e motivación dos mesmos): **2**, 6-20.*

*–Oración, con motivo das lamentacións: **3**, 1-19.*

*a) Evocación das accións de Deus na natureza: **3**, 2-8a.*

*b) Lembranza das accións de Deus na historia do pobo: **3**, 8b-15.*

*c) Chegada do día de angustia para os inimigos: **3**, 16-19.*

*En síntese, parece que o factor unificador de toda a obra é a liturxia penitencial pola falta de colleitas, provocada por unhas xeadas tardías, pola praga de lagosta, ou por unha seca (**3**, 17). Pero o profeta, cunha ollada penetrante, ve na inxustiza que hai en Xudá a causa dos males do pobo (**1**, 2-4). Como adoitaba acontecer na liturxia penitencial, o profeta recibe un oráculo divino: os caldeos serán os que castiguen a inxustiza de Xudá (**1**, 5-11). Daquela, Habacuc continúa queixándose a Deus, por culpa dos caldeos, pois son idólatras, crueis e ladróns (**1**, 12-17). Chégalle entón unha nova resposta de Deus esixindo do seu pobo a fidelidade, ao mesmo tempo que anuncia o fracaso dos caldeos. Animados xa pola palabra de Deus, o pobo e o profeta entoan unha serie de Ais, converténdose así a liturxia penitencial nunha liturxia de maldición para os caldeos, que remata cunha oración ao Deus todopoderoso, para que interveña salvando o seu Unxido e a todo o pobo (**3**, 13). A oración conclúe cun canto de ledicia pola salvación, que está a chegar das mans de Deus.*

# HABACUC

**Título**

**1** [1]Oráculo que en visión lle foi encargado ao profeta Habacuc.

## ORACIÓN DE LAMENTACIÓN POLA INXUSTIZA EN XUDÁ

[2]Ata que día, Señor,
hei de estar pedindo auxilio,
sen que ti fagas caso?
Ata que día clamarei cara a ti:
"Violencia!", sen que salves?
[3]Por que me fas ver a iniquidade
e me fas contemplar o crime?
Rapina e violencia diante de min:
hai rifas e suscítase a disputa.
[4]Por iso o fallo xudicial desvirtúase
e a sentenza non sae con esplendor.
Si, o ruín asedia ao xusto:
por iso o veredicto sae pervertido.

**Oráculo de resposta divina: os caldeos, instrumentos do castigo de Deus**

[5]Ollade para os pobos e observade ben,
estarrecede, asombrádevos,
que nos vosos días
vou realizar unha obra:
non a creriades se volo contasen.
[6]Si, ollade que eu vou suscitar os caldeos,
pobo violento e rapidísimo,
que vai percorrer as anchuras da terra,
para apoderarse dos lugares
que non son seus.
[7]É terrible e temible,
non recoñece máis ca o seu dereito
e a súa grandeza.
[8]Os seus cabalos son máis áxiles
ca as panteras,
máis mordedores ca os lobos da tarde.
Os seus cabalos galopan,
si, os seus cabaleiros veñen de lonxe,
voan coma a aguia
que se lanza a pico para devorar.
[9]Todos eles veñen para causar violencia,
o ardor das súas caras é coma o vento soán:
amorea cativos coma area.
[10]Si, búrlase dos reis,
os príncipes son o seu riso.
Rise de todas as prazas fortes;
fai terrapléns e apodérase delas.
[11]Logo cámbialle o aire e vaise.
(É culpable, pois converteu
a propia forza no seu deus).

**Lamentación colectiva: a inxustiza, cobiza e opresión dos caldeos contra as nacións**

[12]Non es ti desde os tempos antigos?
Non es ti o meu Deus,
o meu Santo que non morre?
Ti, Señor, puxéchelo
por executor da sentenza,
Ti, Penedo firme,
establecíchelo para castigar.
[13]Os teus ollos son demasiado puros
como para ver o mal,

**1**, 1 *Habacuc*: transcribimos así o nome hebreo "Habaquq". *Oráculo*: lit. "carga", fardo que se lle bota enriba ao profeta (cf Is **13**, 1).
**1**, 2-4 Moitos comentaristas relacionan esta queixa profética coa opresión asiria ou exipcia dos anos 609-605, cando máis ben habería que referila ás inxustizas e crimes internos de Xudá, provocados pola fatal morte de Ioxías (609) e pola conseguinte dominación exipcia sobre Xudá (609-605). As inxustizas nas sentenzas xudiciais non permiten outra interpretación.
**1**, 5-11 Novo estilo profético, no que os oráculos se reciben nun ambiente oracional: sonlle pedidos a Deus na queixa litúrxica da lamentación pública, na que interviña sempre o profeta cúltico, e algunhas veces tamén o profeta carismático. O castigo das inxustizas realizarao Deus por medio dos caldeos, aos que fai xurdir poderosos e arrepiantes.
**1**, 6 *Os caldeos* eran unhas numerosas tribos orixinarias da desembocadura do Éufrates. Quizais como mercenarios do imperio asirio, instálanse en Babilonia. Nabopolasar chega a gobernador da provincia de Babilonia no ano 630, e proclámase rei no 625.
**1**, 10 As prazas fortes conquistábanse facendo terrapléns de acceso aos muros.
**1**, 11a A retirada de Nabucodonosor débese á morte de seu pai no ano 605.
**1**, 11b Semella unha glosa que anticipa os vv. 15-16.
**1**, 12 *Penedo firme* é un nome simbólico de Iavé, que alude aos inconmovibles proxectos de Deus; de feito, a orixe deste nome divino quere expresar a sólida base na que se apoia a esperanza do pobo (cf nota a **2**, 4; cf Dt **34**, 4. 15. 18. 30. 37; Sal **18**, 32).
**1**, 13 *Os ollos* aquí son unha consideración estereométrica da persoa de Deus, que, como Deus puro, non ten maldade nin malas intencións; por isto insístese en que non pode contemplar o mal e a opresión: non se trata aquí do mal moral, senón do mal físico. Deus non pode aceptar o mal físico, pois é un Deus puro e benfeitor; esta é a base da queixa. A comparación de 13b non se pode referir ao asedio de Xerusalén e á deportación de Ioaquim, senón que alude ás deportacións de soldados exipcios (entre os que habería xente de Xudá), e ás deportacións dos exipcios en xeral a Babilonia.

non podes contemplar a opresión.
Por que contemplas os traidores,
e quedas calado,
cando o malvado devora
a quen é máis xusto ca el?
[14]Tratas a humanidade
coma os peixes do mar,
coma os vermes
que non teñen quen mande neles.
[15]Él levanta a toda a humanidade co anzol,
érgueos para arriba coa súa rede,
e xúntaos na súa cesta:
velaí como se alegra e danza.
[16]Velaí como ofrece sacrificios
á súa rede;
e incenso, á súa cesta,
pois con elas está ben engraxada
a súa ración,
e a súa comida, con carne exquisita.
[17]Seguirá baleirando
constantemente a súa rede,
asasinando pobos sen compaixón?

## ORÁCULO DE RESPOSTA DIVINA: O XUSTO VIVIRÁ POLA SÚA FE

**2** [1]Seguirei de pé
no meu posto de sentinela,
permanecerei ergueito sobre a muralla,
e espreitarei desde o alto,
para ver o que me di,
o que responde ao meu interrogante.
[2]Respondeume o Señor e díxome:
Escribe a visión e grávaa en taboíñas,
para que se lea de corrido,
[3]pois aínda volverá ser unha visión
no seu momento,
falará da fin e non mentirá.
Se tarda, espéraa,
pois virá e non demorará.

[4]Velaí: o temerario faise forte,
o seu alento camiña con el,
pero o xusto vivirá pola súa fe.

[5]Velaí: a riqueza é traidora,
o home soberbio non terá éxito,
el, que anchea a súa gorxa
coma o Xeol,
e é coma a Morte, que non farta,
recada para xunto a si todos os pobos,
amorea ao seu lado todas as nacións.

### Serie de maldicións, en contexto cúltico de lamentación colectiva

[6]Logo non lle entoarán
todos estes un proverbio,
non entoarán sátiras e epigramas
contra el? Dirán:
Ai do que xunta o que non é seu!
Ata que día?
E do que carga sobre si fianzas!
[7]Non se levantarán de repente

**1**, 15-16 As imaxes da pesca serven para expresar o desequilibrio que na humanidade están provocando as deportacións de exipcios por Nabucodonosor. O Deus que establece harmonía na creación estase vendo contradito pola acción do tirano caldeo, que fai do mundo un caos. O semita concibe a creación como a transformación do caos primordial nun cosmos organizado, harmónico e adornado (cf Xén **1**, 1ss).
**1**, 16 O profeta denuncia aquí a adiviñación das forzas políticas e militares.
*Engraxada*. Os semitas daban máis valor á graxa ca o magro. Por esta razón, nos sacrificios ofrecíanlle á divindade a graxa.
**2**, 1-5 Toda a introdución (v. 1) e a primeira parte do oráculo teñen a finalidade de subliñar a importancia do núcleo do oráculo (v. 4) e a súa progresión (v. 5).
**2**, 1 *Sentinela*: na tradición bíblica, o profeta vén sendo considerado como a sentinela que espera as boas novas de parte de Deus, para comunicarllas ao pobo (cf Núm **23**, 3; Is **21**, 6. 11; Xer **6**, 17; Ez **33**, 1-9; Os **9**, 8).
**2**, 2-3 A escritura en taboíñas facíase cando se trataba de documentos importantes, coa finalidade de que se conservasen e se lesen ben (cf Éx **24**, 12; Dt **4**, 13; Pr **3**, 3; Is **30**, 8; Xer **17**, 1).
**2**, 4 Este texto vén ser un resumo en clave psicolóxica da queixa profética expresada nos vv. 15-16. A terceira frase ("pero o xusto...") é un elemento de contraste, e central no oráculo: o xusto –o que se cingue á vontade de Deus–, cumprindo a súa lei, vivirá pola súa fe, no sentido de confianza posta no poder vivificador de Deus (cf **3**, 2-19); Habacuc herda este pensamento da terminoloxía de Is **7**, 9b. Na esexese de Rm **1**, 17; Gál **3**, 11, insistirase na fe como apoio no poder xustificador de Cristo resucitado, en oposición á xustiza que vén do cumprimento da lei; mentres que en Heb **10**, 37-38 vaise insistir na confianza, polo que este texto resulta máis próximo ao orixinal de Habacuc. O vivir enténdese aquí como a consecución da felicidade e do éxito.
**2**, 5 Este v. é un comentario ás perspectivas do home ilusionado coas súas riquezas, estando estas marcadas co sinal da Morte. Morte e Xeol son aquí nomes da divindade mítico-cananea, que reina no mundo dos mortos e que leva para aló os seus adictos, os tiranos acaparadores de riqueza (= os caldeos).
**2**, 6a *Todos estes*: non se refire ás nacións, senón ao pobo que participa na liturxia penitencial (cf Introd. 2).
**2**, 6b-20 Serie de cinco Ais. O primeiro (v. 6b) olla para os que se aproveitan do diñeiro alleo. No segundo Ai (v. 9) fanse unhas aplicacións que amplían esa inxustiza ao asoballamento dos pobos. O terceiro Ai (v. 12) constitúe o centro teolóxico da serie, coa alusión á vontade de Deus e ao coñecemento da gloria do Señor. O cuarto Ai (v. 15) olla para os que son inxustos co próximo. O quinto Ai (v. 19) ten especial importancia polo contraste entre o mutismo dos ídolos e o mutismo cósmico universal que provoca a presenza de Iavé no seu templo.

os teus acredores,
e non espertarán os teus opresores?
Non serás para eles unha presa fácil?
[8]Xa que ti saqueaches pobos numerosos,
todo o resto dos pobos te saquearán a ti,
por causa do sangue que vertiches,
pola túa violencia contra o país,
contra a cidade
e todos os seus habitantes.

[9]Ai do que amorea ganancias inxustas
para a súa casa!,
para pór o seu niño máis alto,
para librarse da man da desgraza.
[10]Vergonza foi o que ti decidiches
para a túa casa,
abatendo a pobos numerosos,
si, pecaches contra ti mesmo.
[11]A pedra clamará desde a parede,
a trabe responderalle desde o teito.

[12]Ai do que constrúe unha cidade
con sangue,
e do que fundamenta unha fortaleza
no crime!
[13]Non é vontade do Señor dos Exércitos,
que os pobos traballen para o lume,
e que as nacións cansen en van.
[14]Pois toda a terra coñecerá
a gloria do Señor,
como as augas enchen o mar.

[15]Ai do que lles dá de beber aos veciños,
mesturándolles droga na bebida,
emborrachándoos para lles ver
as súas vergonzas!
[16]Fartácheste de ignominia
máis ca de gloria;
bebe ti tamén, e mostra o teu prepucio!
A copa da dereita do Señor
volverase contra ti,
e a ignominia volverase
contra a túa gloria.
[17]A túa violencia contra o Líbano
caerá sobre ti,
e a matanza de animais baixará sobre ti,
por causa do sangue que vertiches,
pola túa violencia contra o país,
contra a cidade e todos os seus habitantes.

[18]Que vale unha imaxe esculpida?
É obra do seu artista.
Que vale unha imaxe de metal?
É un oráculo de mentira.
Confía nela o artista que a esculpiu,
facendo deuses mudos.

[19]Ai do que lle di á madeira: "Esperta",
e á pedra: "Érguete!".
O silencio é o seu oráculo.
Óllao aí amarrado con ouro e prata,
pero ningún alento hai no seu peito.
[20]Ao contrario, o Señor está
no seu santo templo:
Silencio ante a súa presenza, terra toda!

## ORACIÓN DO PROFETA NA LITURXIA DE LAMENTACIÓN COLECTIVA

**3** [1]Oración do profeta Habacuc na ocasión das lamentacións.

**Himno**

[2]Señor, oín o teu renome;
venerei, Señor, as túas obras.
No decurso dos anos fainas revivir,
móstraas no decorrer dos tempos;
na ira lémbrate da misericordia.
[3]Deus vén de Temán;
o Santo, do monte Parán.

**2**, 10 O aspecto do pecado que aquí se remarca é o do fracaso.
**2**, 13 O orixinal parece unha interrogación, pero trátase dunha ditografía.
**2**, 14 A gloria do Señor é a súa presenza salvífica, que o profeta descobre nos signos dos tempos.
**2**, 15 *Droga*: o mesmo vocábulo significa tamén "ira"; pero aquí ten o sentido de droga, coma noutras linguas semíticas.
**2**, 16 *A copa* significa aquí o castigo ou morte violenta. Neste mesmo sentido aparece en ugarítico, e en Mc **14**, 36 e par. *A dereita do Señor* equivale ao poder do Señor.
**2**, 17 A referencia ao Líbano podería aludir á destrución dos exipcios e de Ríblah, que está ao N dos montes do Líbano; pero parece que aquí mostra a destrución do extenso imperio asirio.
**3** Este c. falta no comentario a Hab atopado en Qumrân; pero isto non debe considerarse como un argumento contra a súa autenticidade, pois aparece nos LXX e encaixa perfectamente no sentido da obra.
**3**, 1-19 Oración con motivo das lamentacións.
**3**, 2 *As túas obras*: as realizadas por Deus no Éxodo (cf Dt **7**; Sal **44**, 2-9; **77**, 12-13; **95**, 9).
**3**, 3 *Deus* (heb. "Eloáh"), nome antigo de Deus, que non perdeu a tradición poético-relixiosa xudía.
*Temán* era unha provincia edomita situada entre o deserto do Sinaí e Xudá. É nesta provincia onde hai que situar o monte Parán, que aparece en Dt **33**, 2 asociado ao Sinaí e como lugar da revelación de Deus.

A súa maxestade cobre o ceo,
e a terra está chea da súa loanza.
4 O seu brillo é coma a luz,
raios de luz saen da súa man.
Si, aquí está o segredo da súa forza!
5 Diante del vai a Peste,
e a Febre segue as súas pisadas.
6 Levántase El e estremece a terra;
olla El e tremen os pobos:
féndense as antigas montañas,
afúndense os outeiros eternos.
Os seus camiños
permanecen para sempre.
7 Pola maldade vin axitarse
as tendas de Cuxán,
tremer de medo o país de Madián.
8 É a ira do Señor a que arde
contra os ríos?
Si, contra os ríos a túa cólera.
Si, contra o mar o teu furor,
cando a salvación monta
nos teus carros e cabalos.
9 Sacas o teu arco,
farto de frechas, ao falares.
Aras a terra cos ríos;
10 ao vérente, danzan os montes,
pasa unha tromba de auga,
e o Abismo lanza a súa voz,
o sol levanta ao alto as súas mans,
11 a lúa detén a súa carroza;
as túas frechas superan a luz;
o escintilar da túa lanza, o resplandor.
12 Con ira fas a túa marcha
a través da terra,
con furor esmagas as nacións.
13 Saes á campaña para salvar o teu pobo,
para salvar o teu Unxido.
Esmágaslle a cabeza á familia do impío,
íspeslle os alicerces ata o penedo.

14 Atravesaches cos seus propios dardos
a cabeza dos xefes,
que se lanzaban a dispersarnos.
Alegrábanse como se fosen devorar
a un pobre no seu refuxio.
15 Ti pisaches o mar cos teus cabalos,
ti, que fas ferver as augas abondosas.
16 Oíno, e estremecéronseme as entrañas;
co fragor tremeron os meus labios,
a carie penetra nos meus ósos,
debaixo de min cambalean os meus pasos.
Espero quedo o día da angustia,
cando se erga contra o pobo que nos ataca.
17 Velaí a figueira: non florece,
e non hai colleita nas viñas;
falta a froita da oliveira,
e o campo non produce alimento;
desaparecen as reses do curral,
e non hai gando nas cortes.
18 Pero eu exultarei co Señor,
reloucarei co Deus da miña Salvación.
19 Iavé, o meu Señor, é a miña forza,
dáme pés de gacela,
e faime camiñar sobre as alturas.

Do mestre de coro.
Para instrumentos de corda.

**3**, 5 *Peste* e *Febre* son dúas divindades cananeas, que aparecen aquí desmitificadas, ao servizo de Iavé.
**3**, 6 *As antigas montañas* aparecen nas bendicións dos patriarcas e das tribos (cf Xén **49**, 26; Dt **33**, 15).
**3**, 7 *Cuxán* era posiblemente o nome dunha tribo de beduínos da península do Sinaí ou da mesma rexión de Temán. Soamente aparece aquí.
**3**, 8 *O mar* e *os ríos* teñen aquí unha connotación negativa de forzas do mal e da desorde, característica da mitoloxía cananea.
**3**, 10 Na mitoloxía babilónica o Abismo era unha personificación da divindade da desorde.
**3**, 12-15 A redacción é bivalente, pois alude ao paso do mar Vermello, e ao mesmo tempo á situación do ano 605. O unxido consagrado é o rei, pero ponse en paralelo co pobo.
**3**, 13 *O impío* é o faraón do Éxodo, e, ao mesmo tempo, Nabucodonosor.

# INTRODUCIÓN A SOFONIAS

## 1. Contexto histórico

*Aínda que hai algúns intentos recentes de situar a Sofonías nos anos 200 a. C. ou nos últimos anos da monarquía de Xudá (608-598), a referencia histórica que segue ao título do libro (**1**, 1), que sitúa ao profeta e á súa obra no tempo de Ioxías (640-609), resulta satisfactoriamente clarificadora do conxunto da obra.*

*O reinado de Ioxías comeza cando o rei tiña oito anos, nun dos momentos históricos máis escuros, o da invasión e dominio dos escitas en Asia Menor e na costa leste do Mediterráneo (entre o 639 e o 611: cf Heródoto, I, 103-106). Aínda que o faraón Psammético detenos "con súplicas e agasallos", os escitas sitúanse en Axquelón e noutras partes da rexión filistea, e dedícanse á pillaxe. Isto pódenos aclarar o texto de **2**, 4-7.*

*Os oráculos contra Moab e Amón (**2**, 8-11) hai que entendelos no contexto da política antiasiria que formou Exipto, á que Menaxés e Amón (avó e pai de Ioxías) foron contrarios. As consecuencias pagounas Xudá na minoría de idade de Ioxías, que coincidiu co declinar do poderío asirio.*

*O oráculo contra Asiria (**2**, 13-15) cadra ben con este contexto, pois acaba de xurdir unha nova potencia: os neo-babilonios. Por outra parte, o ton de ameaza do profeta contra Xudá cadra ben neste momento da minoría de idade de Ioxías, xa que seu avó e seu pai, coa política proasiria, deron todas as facilidades ao sincretismo relixioso e aos cultos idolátricos, así como aos atropelos e asoballamentos, propios da forma de actuar dos asirios (cf 2 Re **21**, 1-26). A actividade de Sofonías compréndese ben nesta situación histórica, xa que sitúa a reforma de Ioxías dentro dun contexto internacional de renacemento cultural e relixioso das vellas tradicións dos diferentes pobos do Medio Oriente, cousa moito máis comprensible no tempo de decadencia do imperio asirio.*

*Algúns autores pensan que Sofonías debeu morrer antes do 622, pois ao aparecer o libro da Lei no templo de Xerusalén, fan unha consulta á profetisa Hulda, o que fai pensar que non vivía entón Sofonías. Mais esta razón non é válida, xa que a corte e o templo tiñan os seus profetas oficiais, e Sofonías non debía ser visto con bos ollos pola casa real, debido á súa mensaxe.*

*O período dos primeiros anos da reforma de Ioxías é o mellor contexto histórico para as Promesas salvíficas de **3**, 9-20, nas que se retorna ao antigo título de Iavé coma Pastor-Rei do seu pobo.*

## 2. O profeta

*É sorprendente que o editor mencione os seus devanceiros ata o tataravó. Algúns autores pensan que a razón disto é presentarnos a súa liñaxe rexia, facéndoo ser tataraneto do rei Ezequías (cf 2 Re **18**, 1ss), que reinou entre o 716 e o 687. Porén, a razón desta longa xenealoxía pode ser o nome de seu pai Cuxí, que nos oídos hebreos soa a cuxita (nubio, etiópico e, por tanto, pagán): incorpóranse por iso os nomes dos outros devanceiros, todos eles nomes teofóricos.*

*A xulgar pola súa obra, era xudeu, e probablemente de Xerusalén, onde actúa. Está en contacto coa terminoloxía e contidos teolóxicos dos seus devanceiros na misión profético-carismática, e non é un profeta institucionalizado ao servizo do templo e da monarquía, tal como se ve no concepto do "día do Señor" xa presente en Amós (**5**, 18-20) e en Isaías (**2**, 6-22). Non parece que poida pertencer a un círculo de profetas extáticos ao estilo dos que presentan os libros de Samuel. Certo que tivo que ter discípulos, pois foron eles quen nos transmitiron os seus escritos, pero non se ve claro que estes discípulos fosen os deuteronomistas, que xurdiron neste momento histórico animando a reforma de Ioxías.*

## 3. Estrutura literaria

*O libro de Sofonías ten tres partes fundamentais:*

3.1. *Oráculos de xuízo condenatorio: **1**, 2-**2**, 3.*

3.2. *Oráculos contra as nacións e contra os dirixentes de Xudá, cunha chamada á responsabilidade universal de Xudá ante a lección dos castigos históricos contra as nacións: **2**, 4-**3**, 8.*

3.3. *Oráculos salvíficos nos que canta a gloria de Xerusalén rexida por Deus, o seu Rei: **3**, 9-20.*

## 4. Mensaxe teolóxica

*Sofonías é antes que nada o profeta do día do Señor, do momento da súa intervención*

*para o castigo polos pecados do seu pobo (1, 7.14ss; **2**, 2). A razón desta actitude condenatoria está fundamentada na postura de orgullo e soberbia do pobo, que non se somete á lei do Señor (**2**, 3; **3**, 11) e na actitude de indiferenza ante o fenómeno relixioso (**1**, 12; cf **3**, 1), o mesmo que na actitude de sincretismo relixioso (**1**, 4-6). A razón última deste orgullo, sincretismo e indiferenza relixiosa, radica para o profeta no materialismo económico (**1**, 13.18; **3**, 2-4).*

*Non obstante, o pobo das promesas da salvación será o resto de Israel (**2**, 13), que se cualifica como un pobo pobre e humilde (**3**, 12), un pobo que experimentou a súa impotencia ante os castigos do Señor e que está decidido a buscar a xustiza e a humildade, someténdose á lei do Señor (**2**, 3).*

*As nacións pagás son castigadas polo Señor polos mesmos motivos: pola avaricia económica dos mercadores filisteos (**2**, 5), e pola soberbia e o engrandecemento a costa doutros (**2**, 10.15).*

*Tema importante é tamén o do templo no "meu monte santo" (**3**, 11), que responde á tradición teolóxica xudía da elección do monte Sión. Alí ve o profeta a Deus como Rei no medio do seu pobo (**3**, 15.17) e como Pastor-Rei que coida das súas ovellas (**3**, 19).*

*Toda a preocupación do profeta polos acontecementos da historia que lle tocou vivir conclúe cunhas perspectivas de esperanza gozosa e triunfante, nunha etapa na que se deixará sentir a realeza divina en favor do pobo.*

# SOFONÍAS

**1** [1]Palabra do Señor dirixida a Sofonías, fillo de Cuxí, fillo de Guedalías, fillo de Amarías, fillo de Ezequías, no tempo de Ioxías, fillo de Amón, rei de Xudá.

## I. O DÍA DO SEÑOR

### O xuízo do Señor contra o mundo

[2]Vou acabar con todo,
borrareino da face da terra
–é o Señor quen fala–.
[3]Vou acabar co home e co animal,
vou acabar co paxaro do ceo
e co peixe do mar
e coas cousas que fan descamiñar
aos malvados.
Si, vou arrincar o home da face da terra
–é o Señor quen fala.

### O xuízo do Señor contra Xudá e Xerusalén

[4]Vou estender a miña man contra Xudá
e contra todos os habitantes
de Xerusalén.
Vou arrincar deste santuario
todo o que queda de Baal,
e o nome dos seus ministros,
xunto cos sacerdotes:
[5]aos que se prostran nos tellados
adorando ao exército do ceo,
aos que se prostran xurando por Iavé
e ao mesmo tempo xuran polo seu rei;
[6]aos que deixan de seguir o Señor
e non buscan o Señor nin o procuran.
[7]Silencio ante a presenza
do meu Señor, Deus!
Está preto o día do Señor.
Si, xa preparou o Señor o sacrificio,
xa consagrou os invitados.
[8]O día dos sacrificios do Señor sucederá
que eu lles pedirei contas aos ministros
e aos fillos do rei
e a todos os que se visten
con vestidos estranxeiros.
[9]Pedireilles contas no día aquel
a todos os que saltan ao estrado
aos que enchen de violencia
e engano as casas dos seus señores.

[10]Sucederá o día aquel
–é o Señor quen fala–:
Un fragor de berros de auxilio
que sae da Porta dos Peixes;
un ruído de lamentos
que vén da Vila Nova;
un estrondo de derrubamento
que vén dos outeiros.
[11]Lamentaranse os habitantes da Canteira,
porque quedou en silencio
o fato dos mercadores,
desapareceron todos os pesadores de prata.

[12]Sucederá naquela hora:
Pescudarei a Xerusalén con lámpadas,
pedireilles contas aos homes
satisfeitos polos froitos que producen,
dicindo nos seus corazóns:
"O Señor nin fai ben nin fai mal".
[13]Certo, as súas riquezas serán para botín
e as súas casas para o arrasamento.
Si, construirán casas,
pero non as habitarán;
plantarán viñas,
pero non beberán o seu viño.

**1** *Sofonías*: escribimos así ao nome hebreo "Sefaníah".
**1**, 2-3 O xuízo de Deus preséntase como unha manifestación teofánica que acaba con todo aquilo que lle é contrario, ou que o aparta do culto. O momento histórico das invasións escitas interprétase como o xuízo purificador de Deus.
**1**, 4-7 O xuízo de Deus, ou o día do Señor, é coma un banquete sacrificial (v. 7) ao que son convidados os executores (escitas), ao mesmo tempo que se acusa ao pobo de prácticas relixiosas propias do culto cananeo a Baal, e das prácticas cúlticas mesopotámicas aos astros, favorecidas polos reis Menaxés e Amón (cf 2 Re **21**, 3-5. 21-22).
**1**, 6 *Seguir o Señor* ten connotacións morais de seguir a súa Lei, mentres que "buscalo, ou procuralo" ten connotacións litúrxicas, de lamentación individual ou colectiva.
**1**, 8 O v. 8a é unha glosa clarificadora, tomada do v. 7.
*O vestido* para o semita era a expresión da súa personalidade concreta e da súa profesión, o mesmo ca a nudez era sinal da redución a un estado de perda da liberdade. O vestir coma estranxeiros equivalía a renunciar á condición de membro do pobo de Deus (cf 2 Mac **4**, 13-14).
**1**, 9 *Os que saltan ao estrado*: os que gobernan ou dirixen a política durante a minoría de idade do rei Ioxías.
**1**, 10 Os nomes propios deste v. son nomes de diferentes lugares da Xerusalén do s. VII, difíciles de localizar.
**1**, 11 *Fato dos mercadores*: a palabra fato traduce un vocábulo hebreo que significa xente, tropa, forza organizada; pero aquí ten un sentido despectivo.
**1**, 12 Ao pescudar o Señor o comportamento de Xerusalén, pediralle contas da súa indiferenza relixiosa e doutras actitudes reprobables.

**Tremede, que o día do Señor está cerca**

14 Está cerca o grande día do Señor,
próximo e a caer.
Amargo é o día do Señor,
berra de medo o mesmo guerreiro.
15 Día de furor será o día aquel,
día de angustia e apertos,
día de desastre e desolación,
día de tebras e escuridade,
día de nubes e trebóns,
16 día de toques de corno e gritos de guerra,
contra as altas fortalezas,
e contra as torres ergueitas.

17 Provocarei angustias na xente
e camiñarán coma cegos,
porque pecaron contra o Señor.
O seu sangue será estendido coma o po,
e as súas entrañas coma o esterco.
18 Non os salvarán nin a súa prata
nin o seu ouro.
No día da ira do Señor,
co incendio do seu celo,
toda a terra será devorada:
vai facer o exterminio terrible
de todos os habitantes da terra.

**Conclusión: buscade o Señor, para estar protexidos no día da súa ira**

**2** 1 Póndevos de acordo, xuntádevos,
pobo que non se anima,
2 antes de que o furor dese día
se estenda coma a muíña,
antes de que veña sobre vós
o ardor da ira do Señor,
antes de que veña sobre vós
o día da ira do Señor.
3 Buscade o Señor,
todos os pobres do país,
que cumpristes os seus decretos,
buscade a xustiza,
buscade a humildade.
Quizais poidades escondervos
no día da ira do Señor.

## II. XUÍZO DO SEÑOR CONTRA AS NACIÓNS DO MAR

4 Si, Gaza quedará abandonada,
e Axquelón ficará arrasado.
A Axdod expulsarano á luz do mediodía,
e Ecrón será arrincado de raíz.
5 Ai de vós, habitantes da beira do mar,
pobo dos cretenses,
a palabra do Señor vai contra vós,
cananeos;
país dos filisteos, si, voute arrasar
ata que non quede habitante.
6 A beira do mar será lugar de festa
para os pastores e cercado
para os rabaños.
7 Si, a beira do mar será
para o resto da casa de Xudá.
Eles levarán a pastar á beira do mar,
e pola noite deitaranse
nas casas de Axquelón,
cando os visite o Señor, o seu Deus,
e os faga volver da súa catividade.

**Contra as nacións do nacente**

8 Escoitei os insultos de Moab
e os desprezos cos que os fillos de Amón
insultaron ao meu pobo,
eles que se engrandeceron
a costa das miñas fronteiras.
9 Por isto, pola miña vida
–oráculo do Señor dos Exércitos,
Deus de Israel–
xuro que Moab se volverá
coma Sodoma,
e os fillos de Amón coma Gomorra:
campo de silvas, pozo de sal
e desolación para sempre.
O resto do meu pobo saquearaos,

**1**, 14-15 O tempo, para o semita, non é unha categoría na que o home ha de entenderse a si mesmo e á historia, nin é un accidente do ser, senón que ten uns contidos e unha entidade propia que lle veñen dos feitos que acontecen. Por iso, "o día do Señor" é o do castigo que está para chegar, a non ser que o pobo se converta ao Señor (**2**, 1-3).
**2**, 1-3 Invitación a participar nunha liturxia penitencial, da que sairán comprometidos a cumprir os preceptos do Señor.
**2**, 3 *Os pobres* son, de feito, os que cumpren os decretos ou mandamentos do Señor, xa que o pobre, ao precisar do Señor, élle fiel. *A humildade* é a aceptación da lei do Señor, á que o humilde axusta o seu comportamento.
**2**, 4-5 Aos habitantes da zona costeira chámaselles cretenses, por ser restos dos pobos do mar, expulsados do mundo grego no s. XII e afincados nas costas de Israel. Agora chegan os escitas, e provocan unha desolación naqueles territorios (cf Introd. 1).
Este castigo da Filistea levará consigo a bendición de Xudá, que se aproveitará da situación, pois os escitas non ocuparon o territorio, senón que se dedicaron á pillaxe (cf Heródoto I, 103-106).
**2**, 8-9 Este engrandecemento de Moab e Amón a costa de Xudá, pódese comprender ben no momento histórico do magnicidio de Amón (a. 640), o que necesariamente supón a existencia de partidarios dunha política antiasiria vinculada a Exipto, a Moab e Amón. Co asasinato do devandito rei e coa elección e entronización de Ioxías polo "pobo do país", xunto coa debilidade de Asiria, é lóxico que os veciños se aproveiten do desconcerto de Xudá.

os que queden da miña nación
herdaranos.
[10]Isto aconteceralles en paga
pola súa soberbia,
por insultaren e se engrandeceren
a costa do pobo do Señor dos Exércitos.
[11]O Señor será terrible contra eles,
pois El debilita o poder de todos
os deuses da terra,
e todas as nacións da costa,
cada unha desde o seu sitio,
prostraranse en adoración diante del.

**Contra as do sur: Nubia**

[12]Tamén, vós, cuxitas, seredes acoitelados
coa miña espada terrible.

**Contra as do norte**

[13]Si, El estenderá a súa man
contra o norte, e destruirá Asiria,
converterá Nínive nunha desolación,
nun secaño coma o deserto.
[14]No medio dela deitaranse os rabaños,
os outros animais e mais a xente.
Tanto o pelicano coma o moucho
pasarán a noite nos seus capiteis.
O ruído pasa polas fiestras,
a calor pola porta de entrada,
pois quedou destruída
a madeirame de cedro.
[15]É esta a cidade ledamente ruidosa,
a que reinaba na seguridade,
e que dicía no seu corazón:
"Eu e ninguén máis?".
Como se volveu unha desolación,
cubil de feras?
Todo o que pase por medio dela
asubiará e axitará a súa man.

**Contra Xerusalén, a cidade rebelde**

**3** [1]Ai da cidade opresora!
É rebelde e está manchada.
[2]Non fai caso da chamada,
non aprende a lección co castigo.
Non ten confianza no Señor,
non se arrima ao seu Deus.
[3]Os seus xefes no medio dela
son leóns que berran.
Os seus xuíces son lobos do serán
que nin deixan os ósos para a mañá.
[4]Os seus profetas son presuntuosos
e homes de traizón,
os seus sacerdotes profanan
o santuario e violan a lei.
[5]O Señor en cambio, é xusto,
non comete nela inxustizas.
Mañá tras mañá dá a súa
xusta sentenza,
e ao romper o día non falta,
mais os malvados
non coñecen a vergonza.

**Conclusión: a lección do xuízo do Señor**

[6]Acabei coas nacións,
as súas fortalezas quedaron arrasadas,
destruín as súas rúas,
sen que ninguén pase por elas,
as súas cidades quedaron destruídas,
sen ninguén, sen teren habitantes.
[7]Pensei: "Certo, ti respectarasme,
e aprenderás a lección:
non desaparecerán do seu ollo
todos os castigos que che inflixín".
Pero, ao contrario, madrugaron
para perverter todas as súas accións.
[8]Por isto, esperádeme
–é o Señor quen fala– no día
que me levante para a sentenza,
que a miña sentenza será:
reunir as nacións e xuntar os reinos
para verter sobre eles a miña ira,
todo o ardor da miña carraxe.
Si, co incendio do meu celo
toda a terra será consumida.

**2**, 12 Aquí os *cuxitas* -etíopes- designan aos exipcios, pois a XXV dinastía faraónica (anos 751-663) era etiópica. Aínda que Heródoto nos fala dos "rogos e agasallos" cos que o faraón Psammético detivo aos escitas, isto non exclúe derramos de sangue.
**2**, 13ss A caída de Asiria (a. 612) ben puido prevela Sofonías, pois no 630 xa ten síntomas claros de debilidade, ao mesmo tempo que medran outros pobos (os escitas, os medos e os neobabilonios). Ademais, Asiria viña sendo desde un século antes o principal inimigo de Xudá.
Este oráculo de xuízo de castigo ponse como remate, para lle dar máis énfase.
**2**, 14 *A madeirame* é a armazón de madeira, recuberta de barro, coa que estaban formados os tabiques interiores dos pazos de Nínive.
**3**, 1-5 Son acusados os xefes, xuíces, profetas e sacerdotes, pero non o rei, o que cadra ben coa minoría de idade de Ioxías. Contraponse a inxustiza dos homes coa xustiza de Deus.
**3**, 5 *Mañá tras mañá*: alusión á liturxia de lamentación individual, que tiña lugar pola mañá. A ela respondía un oráculo do profeta cúltico ("xusta sentenza").
**3**, 6-8 O castigo e destrución das nacións pagás é unha lección para Xudá, clarificada polo profeta. Pero Xudá (v. 7: "ti") non aprende a lección da xustiza punitiva de Deus, polo que se fai responsable dun novo castigo xeral das nacións e de todo o mundo. O texto é unha chamada á responsabilidade universal, que pesa sobre Xudá.

# III. PROMESAS SALVÍFICAS: UN POBO POBRE E HUMILDE DARALLE CULTO AO SEÑOR

[9]Daquela, certo, eu volverei puros
os labios do meu pobo,
para que todos eles invoquen
o nome do Señor,
dándolle culto cun esforzo unánime.
[10]Desde o outro lado dos ríos de Cux,
os meus adoradores,
a miña casa dispersa,
traerán para min as ofrendas.
[11]No día aquel non te avergonzarás
de ningún dos feitos
cos que me ofendiches,
porque entón eu farei
que non te alegres do teu orgullo,
e non volverás ensoberbecerte
no meu monte santo.
[12]Farei que quede no medio de ti
un pobo pobre e humilde,
e no Nome do Señor terá
o seu refuxio [13]o resto de Israel.
Non farán maldades
nin dirán mentiras;
non se atopará na súa boca
lingua mentireira.
Si, eles pacerán e deitaranse
sen que ninguén os espante.

### Xúbilo de Xerusalén polo Señor, o seu Rei

[14]Exulta, filla de Sión;
berra lediciosa, Israel,
alégrate e relouca con todo o corazón,
filla de Xerusalén.
[15]O Señor retirou o teu castigo,
botou para atrás os teus inimigos.
O Señor será o rei de Israel
no medio de ti,
non volverás ter medo da desgraza.
[16]No día aquel diráselle a Xerusalén:
Non teñas medo, Sión,
que as túas mans non afrouxen.
[17]O Señor, o teu Deus,
está no medio de ti,
é un heroe que salva.
El salta de alegría por ti,
embrúxate co seu amor,
dá brincos de alegría por ti.
[18]Eu aparteite da asemblea festiva;
retirei de ti o seu Ai!,
o oprobio que pesa
sobre esas asembleas.
[19]Velaí o que eu lles vou facer
aos teus inimigos naquel intre:
vou salvar a ovella coxa
e recadar a descarreirada,
convertereinas en loanza
e renome en todo o país,
onde sentiron vergonza.
[20]No intre aquel traereivos,
cando vos teña xuntados.
Certo que vos converterei
en renome e loanza
entre todos os pobos da terra,
cando eu vos cambie a sorte
ante os vosos propios ollos
–díxoo o Señor.

**3**, 9-20 Toda esta sección final de promesas salvíficas cadra ben coa reforma relixiosa de Ioxías.
**3**, 9 *Daquela*. Seguramente é unha glosa posterior, para lle dar ao texto un carácter apocalíptico. Parece tamén que a lectura "amim" (= aos pobos) obedece ás intencións actualizadoras propias do s. II a. C.
*Todos eles* refírese ao colectivo "meu pobo", non ás nacións pagás, pois no v. 10 clarifícanse os "meus adoradores" coa expresión "a miña casa dispersa".
*Esforzo unánime*: lit. "ombreiro único". O ombreiro significa o esforzo que con el se fai.
**3**, 10 *A miña casa dispersa* (lit. "a casa da miña dispersión") alude aos oficiais da corte e membros da familia real pertencentes á coalición antiasiria, que asasinaron o rei Amón.
**3**, 11 *No día aquel*: semella unha glosa.
**3**, 11-12 *O orgullo*, oposto á humildade e pobreza, leva á rebeldía contra a lei de Deus (cf nota a **2**, 3).
**3**, 18 Coa reforma de Ioxías, Deus aparta o pobo fiel da liturxia da resurrección de Baal, na que se proferían os Ais e na que tiñan lugar prácticas sexuais cúlticas.
**3**, 19 *Os inimigos* son os membros do pobo remisos á reforma de Ioxías, e apegados aos cultos pagáns e sincretistas.
**3**, 20 *Sorte*. Pode aludir á volta dos cativos do antigo reino do Norte, deportados polos asirios case cen anos antes. Isto cadra ben coas intencións expansionistas do reino de Ioxías a costa do reino de Israel, aproveitando a decadencia asiria.

# INTRODUCIÓN A AXEO

## 1. O profeta

*Sobre a persoa de Axeo, pouco máis se ofrece na presente obra ca o seu nome Hagai, que significa "nacido un día de festa de romaría", e a súa condición profética (**1**, 1. 3. 12...). Do que si nos informa con moita precisión é das datas dos seus oráculos. Esta precisión cronolóxica fainos sospeitar que a súa obra, máis que recoller o conxunto da súa actividade profética, o que pretende é ofrecer aqueles oráculos vinculados á reconstrución do templo e ás esperanzas e promesas de restauración da monarquía, na persoa de Zerubabel, neto do rei Ioaquín (ou Ieconías), deportado a Babilonia no ano 598 a.C. (2 Re **24**, 8-17; **25**, 27-30).*

*O período de actividade que recolle a obra abrangue soamente tres meses e vinte e catro días: desde o 27 de agosto ata o 18 de decembro do ano 520. A colocación da primeira pedra do templo ten lugar o 19 de setembro. A frase "o 24 do sexto mes" (**1**, 15), hase de unir con **2**, 15ss; e o derradeiro oráculo, de exclusión dos samaritanos da obra de reconstrución, hai que datalo no 18 de decembro. É probable que Axeo tivese unha actividade profética antes destas datas; pero, se a tivo despois delas, non puido chegar ao ano 515 (ano da dedicación do templo rematado), pois na súa obra non se fala dese momento transcendental. O libro de Axeo, aínda que pequeno, recolle a intensa actividade do profeta para promover a reconstrución do templo, considerada por el como necesaria para que se cumpriran as esperanzas mesiánicas (cf **2**, 20-23).*

*Non foi Axeo un profeta cúltico, pois necesita preguntarlles aos sacerdotes sobre a pureza e impureza (cf **2**, 10-14).*

## 2. A época de Axeo e os seus destinatarios

*Axeo diríxese á primeira comunidade postexílica, formada polos repatriados de Babilonia no 537 ao mando de Xexbasar (cf Esd **1**, 8; **5**, 14-16), e pola poboación que quedou en Xudá durante o exilio. Aínda que os primeiros repatriados tiñan intención de reconstruír o templo, as dificultades e choques coa poboación que quedara no país, arredounos de emprender as obras. Dos deportados, unha boa metade quedou afincada en Babilonia, onde continuou ao longo dos séculos, formando unha comunidade espiritual e literariamente florecente. O número de cincuenta mil repatriados, que nos dan Esd **2**, 64ss e Neh 7, 66ss, inclúen certamente repatriacións voluntarias, posteriores ao ano 520 a. C. Boa parte das dificultades dos novos asentados debéronse aos choques cos descendentes do Reino de Israel, que por outra banda se entendían ben cos que quedaron na terra de Xudá. Pola súa banda, os repatriados, fieis herdeiros das tradicións da Alianza e da pureza ritual e relixiosa, non aturaban as mesturas de iavismo e paganismo. Probablemente a comunidade palestina seguiu practicando o culto no templo de Xerusalén en ruínas, pero un culto sincretista. Os que van chegando reconstrúen o altar dos holocaustos (cf Esd **2**, 1ss), para ofrecer o sacrificio diario; pero os choques cos samaritanos, provocados polo culto, dificúltalles a chegada de recursos, que dependían do gobernador de Samaria (Esd **4**, 4ss), de xeito que a reconstrución do templo non se comezou ata o ano 520.*

*No feito da reconstrución do templo inflúen unha serie de actos de alta política, alleos á vida da comunidade palestina. A Ciro sucédeo no trono o seu fillo Cambises (ano 529), home voluble e cruel, que asasina a seu irmán Bardia. Tamén el morre asasinado (ano 522) e sucédeo Darío, que consegue vencer a Ganmata (quen se sublevara contra Cambises), pero aínda ten que sufocar outras rebelións, pois estas chegaron a xeneralizarse por todo o imperio.*

*Nestes aires independentistas hai que comprender a promesa de restauración mesiánica dirixida por Axeo a Zerubabel (en **2**, 20-23), e tamén en boa parte o interese de Axeo pola reconstrución do templo. O templo reconstruído levará a unha nova era de esplendor e de alianza universal (**2**, 7-9), baixo a monarquía davídica. Neste sentido, o profetismo de Axeo depende do de Isaías e Miqueas.*

*Con todo, Axeo o primeiro dos profetas postexílicos, distínguese dos seus predecesores en que non chama ao pobo á fidelidade con ameazas nin con promesas salvíficas: intenta soamente encoraxar a uns e outros para que leven adiante a restauración do templo.*

*De todos xeitos, as esperanzas que el suscitaba non se cumprirán á perfección máis que en Xesús de Nazaré, Rei mesiánico (cf Xn **19**, 17-23) e templo da Nova Alianza (cf Heb **3**, 1-**4**, 10).*

# AXEO

**1** [1]No ano dous do rei Darío, no mes seis, o día primeiro do mes, veu a palabra do Señor por medio do profeta Axeo a Zerubabel, fillo de Xealtiel, gobernador de Xudá, e a Iehoxúa, fillo de Iehosadac, o sumo sacerdote, nestes termos: [2]–Así fala o Señor, Deus dos Exércitos: Este pobo anda dicindo: "Aínda non chegou o momento de reconstruír o templo do Señor".

[3]Pero a palabra do Señor veu por medio do profeta Axeo nestes termos: [4]–É xa tempo para vós de habitardes en casas ben rematadas, mentres este templo está en ruínas? [5]Pois agora, así fala o Señor dos Exércitos: Considerade ben o voso comportamento: [6]Sementastes para recollerdes abundantemente, pero recollestes pouco, comestes sen fartarvos, bebestes sen saciarvos do licor, vestístesvos sen sentirdes calor con iso, e o xornaleiro recibiu o xornal en saco roto. [7]Así fala o Señor dos Exércitos: Considerade ben o voso comportamento: [8]Subide ao monte, traede madeira e reconstruíde o templo, que eu me compraza nel e nel mostre a miña gloria di o Señor. [9]Esperastes facer moito: mirade que pouco; trouxéstelo para casa, pero eu boteino ao vento. Por que isto? –é o Señor dos Exércitos quen fala–. Por culpa do meu templo que está en ruínas, mentres vós vos compracedes cada un na súa casa. [10]Por isto, por culpa vosa, o ceo negou a chuvia e a terra negou o seu froito. [11]Si, eu convoquei a seca sobre a terra e os montes, sobre o trigo, o viño e o aceite, sobre o que a terra fai brotar, sobre os homes e os animais e sobre todos os traballos das mans.

[12]Zerubabel, fillo de Xealtiel, o sumo sacerdote Iehoxúa, fillo de Iehosadac, e todo o resto do pobo, fixéronlle caso á voz do Señor, o seu Deus, e ás palabras do profeta Axeo, tal como encomendara o Señor, Deus deles, e o pobo respectou a presenza do Señor.

[13]Axeo, o mensaxeiro do Señor, faloulle ao pobo conforme a mensaxe do Señor: –Eu estou convosco –é o Señor quen fala–.

[14]O Señor espertou o espírito de Zerubabel, fillo de Xealtiel, gobernador de Xudá, e o espírito do sumo sacerdote, Iehoxúa, fillo de Iehosadac, e o espírito do resto do pobo. Puxéronse á obra no templo do Señor dos Exércitos, o seu Deus.

### O segundo templo será máis espléndido e rico ca o primeiro, a pesar das aparencias

**2** [15b]No ano segundo do rei Darío, [1]no sétimo mes, o vinte e un do mes, veu a palabra do Señor por medio do profeta Axeo nestes termos: [2]–Dille a Zerubabel, fillo de Xealtiel, gobernador de Xudá, e ao sumo sacerdote Iehoxúa, fillo de Iehosadac, e ao resto do pobo: [3]"Quen queda entre vós, dos que viron este templo co seu esplendor primeiro? Que estades vendo agora daquel esplendor? Non é algo así como se non existise aos vosos ollos?

**1**, 1-14 *Axeo*: lit. "Hagai". Esta unidade literaria é un relato no que se insiren oráculos que lles descobren aos destinatarios os signos dos tempos, as razóns teolóxicas dos feitos que acontecen. As malas colleitas e a fame e sede que pasan débense a non ter reconstruído o templo (vv. 2-6). Por iso no oráculo seguinte (vv. 7-8) exhórtase a poñerse á obra. Podemos chamarlle ao conxunto "oráculo dos signos dos tempos". A colaboración humana esixida distíngueos dos oráculos salvíficos, onde toda a actividade se deixa nas mans de Deus.

**1**, 1 A datación propia das vocacións proféticas pasa a estes oráculos postexílicos. A data é a do 27 de agosto do ano 520 a. C. Neste momento xa existía a figura do sumo sacerdote como investido do supremo poder relixioso.

**1**, 5 *Considerade ben o voso comportamento*: lit. "Poñede o voso corazón nos vosos camiños".

**1**, 9 *Boteino ao vento*: alude ao gran que non estaba ben logrado, e por isto o levou o vento, pois era soamente casca, xa que a calor e a seca o mirrou antes de botar fariña. O contraste da compracencia do pobo nas súas casas e o templo en ruínas é unha denuncia da actitude egoísta e irrelixiosa do pobo.

**1**, 12 *Respectou a presenza do Señor* quere traducir a experiencia de conmoción relixiosa profunda, que move a pór en práctica as esixencias de Deus.

**1**, 13 *Eu estou convosco*: proclamación profética da axuda divina para a realización dunha obra en colaboración con Deus.

**1**, 15a Esta datación hai que unila con **2**, 15, como fan case todos os críticos, ou pasar aquí **2**, 15-19, que resultaría máis lóxico cronoloxicamente. Por iso falta aquí o v. 15a e aparece diante de **2**, 15.

**1**, 15b-2, 9 No momento ao que se refire o v. 1 o 17 de outubro, último día da festa das Cabanas, despois dun mes e unha semana de traballos había unha certa desilusión, especialmente ao recordar o templo que viran de nenos. O profeta non só os anima (v. 4), senón que proclama un oráculo dos signos dos tempos, anunciándolles de parte de Deus que o novo templo de Xerusalén será o santuario da era mesiánica, a onde virán todas as nacións, pois Iavé concederá alí a fartura e a paz.

Esta profecía realízase en parte co templo de Herodes, e chegará ao seu cumprimento pleno en Xesús de Nazaré, o novo templo a onde acode xente de todas as nacións para recibir os bens de Deus.

**2**, 2 Calquera persoa de setenta e dous anos podía lembrarse do templo de Salomón.

4Pero agora, ánimo!, Zerubabel –é o Señor
quen fala–. Ánimo!, pobo todo do país –é o
Señor quen fala–. Ao traballo! Eu estou con-
vosco –é o Señor dos Exércitos quen fala–.
5Chegou a promesa que pactei convosco can-
do saïades de Exipto, o meu espírito manten-
se firme no medio de vós: non teñades medo.
6Pois así fala o Señor dos Exércitos: Aínda un
pouco máis, entón eu conmoverei o ceo e a te-
rra, o mar e o chan firme, 7conmoverei a todos
os pobos e virán aquí todas as súas riquezas,
encherei este templo de esplendor –fala o Se-
ñor dos Exércitos–. 8Miña é a prata e meu é o
ouro –é o Señor dos Exércitos quen fala–. 9O
esplendor deste segundo templo será maior ca
o do primeiro –fala o Señor dos Exércitos–, e
neste santuario eu concederei a fartura" –é o
Señor dos Exércitos quen fala.

### Consulta acerca da impureza, que exclúe dos traballos aos samaritanos

10O día vinte e catro do mes noveno, do se-
gundo ano de Darío, veulle a palabra do Señor
ao profeta Axeo nestes termos: 11–Así fala o
Señor dos Exércitos: Pídelles aos sacerdotes
un ditame sobre esta cuestión: 12"Se alguén
leva carne consagrada na aba do seu manto e
toca coa aba o pan, o guisado, o viño, o aceite
ou calquera comida, consagra estas cousas?".

Responderon os sacerdotes: –Non!

13Logo Axeo díxolles: –Se unha persoa,
impura por tocar un cadáver, toca calquera
destas cousas, vólveas impuras?

Respondéronlle os sacerdotes: –Vólveas
impuras.

14Entón replicoulles Axeo: –Así é este
pobo, así é esta nación na miña presenza –
oráculo do Señor–, así é toda obra das súas
mans e o que presentan aquí: está impuro.

### Os comezos da reconstrución do templo, sinal da bendición divina

15aEra o día vinte e catro do mes sexto.

15Pois agora, aplicade o voso sentido des-
de o día de hoxe e para atrás: antes de por-
des pedra sobre pedra no santuario do Señor,
16que erades? Cando iades á arca do gran por
vinte medidas, soamente había dez. Cando
iades á pipa para quitar cincuenta olas, so-
amente había vinte. 17Tíñavos castigado coa
praga do cornizó e coas meras; co pedrazo
tiña castigado todas as obras das vosas mans,
e non estaba convosco o meu poder –é o Se-
ñor quen fala–. 18Aplicade o voso sentido
desde o día aquel para atrás, desde o día vinte
e catro do noveno mes, si, desde o día en que
se puxeron os cimentos do santuario do Se-
ñor, aplicade o voso sentido. 19Poderá quedar
aínda a semente na arca? A viña, a figueira, a
milgranda e a oliveira non deron froito? Des-
de o día aquel quérovos bendicir.

### Promesa de restauración mesiánica dirixida a Zerubabel

20A palabra do Señor veulle por segunda
vez a Axeo, o día vinte e catro do mes, nes-
tes termos: 21–Fálalle así a Zerubabel, go-
bernador de Xudá: Eu vou conmover o ceo
e mais a terra, 22vou botar abaixo os tronos
dos reinos e acabar co poder dos reinos nos
pobos, vou derrubar os carros que os con-
ducen, e baixarán os cabalos e os seus ca-
baleiros, (cada un caerá coa espada do seu
irmán). 23No día aquel –é o Señor, Deus dos
Exércitos, quen fala– collereite a ti, fillo de
Xealtiel, o meu servo –oráculo do Señor–, e
farei de ti coma un anel de selo, porque é a
ti a quen escollín –é o Señor dos Exércitos
quen fala.

**2**, 5 *Promesa* (lit. "palabra"). Alude á asistencia divina en favor do pobo, simbolizada na columna de nube e na columna de lume (cf Éx **13**, 21-22; **14**, 19).

**2**, 6-8 Pensa o profeta no xurdimento da era mesiánica, que a xulgar polos cambios políticos, considerábase próxima.

**2**, 9 *Fartura* (heb. "xalom"). Máis que paz, significa abundancia de bens, felicidade, plenitude de todos os anhelos humanos.

**2**, 10-14 A data á que se refire o texto é o 18 de decembro. As consultas ao sacerdote presentan o impuro como algo contaminante para as cousas que toca; por isto Axeo declara impuro o pobo-nación, as obras das súas mans e o que ofrecen. Sorprende este oráculo, que non pode ter outra explicación ca a de rexeitar a colaboración dos samaritanos, por culpa da súa inobservancia dos preceptos legais da pureza, e sen dúbida polo sincretismo relixioso.

**1**, 15a e **2**, 15-19 Este texto foi desprazado do seu lugar, sen dúbida para separar da construción do templo aos samaritanos. Por iso a colocación da primeira pedra e o oráculo que acompañou esta fase importante da construción, púxose despois da expulsión daqueles (**2**, 10-14), pois para a mentalidade levítica a impureza legal dos samaritanos contaminaría o templo. De feito, os vinte e catro días que separan o primeiro discurso deste oráculo, ben cumprían para limpar entullos, traer madeira para estadas e organizar a reconstrución. No discurso salienta o profeta que desde ese día a situación agrícola vai cambiar: o gran non vai ter cornizó nin meras, elementos que provocaban o aborto ou partos prematuros. Ese día será o comezo da bendición de Deus, mandando chuvias ao seu tempo, e en concreto as de outubro para a sementeira do gran.

**2**, 20-23 A datación deste oráculo é a mesma de **2**, 10-14, o que lle dá ao oráculo un sentido de conformidade do pobo, coa segregación dos impuros (cf **2**, 10-14) e a elección divina de Zerubabel (de descendencia davídica) como servo de Deus en favor da comunidade. O anel, que se levaba pendurado do pescozo (Xén **38**, 18) ou no dedo (Xer **22**, 24) empregábase como selo e sinatura autorizada, para recoñecer a autenticidade dos documentos. Esta etapa considérase como unha intervención especial de Deus, semellante á do retorno ao país.

# INTRODUCIÓN A ZACARÍAS

## A. O PROTO-ZACARIAS (Zac **1-8**)

### 1. A cuestión crítica: Proto-Zacarías e Déutero-Zacarías

*A mediados do século pasado, a esexese católica comezou a pensar na separación entre Zac **1-8** e **9-14**, idea que na actualidade é compartida por todos os estudosos, que ven nesta obra unha antoloxía de textos de épocas diferentes. Os motivos desta separación son en síntese estes:*

*a) Iehoxúa, Zerubabel e Bet-el-Saréser, protagonistas da reconstrución do templo no século VI a. C., que ocupan un posto relevante en Zac **1-8**, nin sequera aparecen en Zac **9-14**, pois a situación histórica e as preocupacións son distintas. Trátase, nesta segunda parte, do renacemento das ansias mesiánicas, nos tempos do rei macedonio Alexandre (336-323), e especialmente no dos seus xenerais Ptolomeo I Soter (láxida de Exipto) e Seleuco I Nicanor (de Babilonia e Siria), que loitan pola posesión de Palestina desde o ano 323 ao 312, data na que Ptolomeo se apodera de Xerusalén.*

*b) O mesianismo da primeira parte concrétase en personaxes ben definidos: Iehoxúa, sumo sacerdote; e Zerubabel, príncipe de ascendencia davídica e emisario dos persas. Na segunda parte, o mesianismo vai envolto en textos escatolóxicos e presenta unhas formas especiais: o rei pobre (**9**, 9-10); o pastor-profeta-rei rexeitado polo pobo (**11**, 4-17); e o atravesado pola espada (**12**, 1-**13**, 1), chegando a aparecer algúns textos escatolóxicos, nos que a figura mesiánica desaparece ante o reino levado a termo por Deus mesmo (**9**, 11-17; **10**, 3-12; **14**).*

*c) Na primeira parte é determinante a reconstrución do templo, mentres que na segunda o templo non ten función ningunha, pois o que preocupa son as relacións entre Xudá e Xerusalén.*

*d) Na primeira parte temos datas exactas e completas (cf **1**, 1 e **7**, 1), mentres que na segunda non hai ningunha data histórica.*

*e) Por outra banda, en Zac **9**, 1 e **12**, 1 emprégase un vocabulario idéntico ao que usa Malaquías ao comezo da súa obra profética: sinal de que o editor de Zac era consciente do carácter composto da obra que tiña entre as mans.*

### 2. A persoa de Zacarías

*O tempo de actividade profética de Zacarías vai desde outubro/novembro do 520 (cf **1**, 1; Ax **2**, 10-20), ata o primeiro de novembro do ano 518 (cf **7**, 1). Sobre a situación histórica deste período, cf Intr. a Axeo 1. e 2.*

*Era fillo de Berequías e neto de Idó (**1**, 1). Este último (de quen se fala en Esd **5**, 1; **6**, 14), debeu ser aínda no ano 500 xefe da familia sacerdotal do seu nome (Neh **12**, 16). Polo tanto, Zacarías era de familia sacerdotal, e mais sacerdote profeta ou profeta cúltico, pois á pregunta sobre o xaxún dá unha resposta que non é soamente unha torah sacerdotal, senón unha resposta profética (**7**, 1-3; **8**, 18-19). Por outra banda, a súa preocupación pola pureza da Terra Santa é característica ben clara da súa profesión sacerdotal ou de profeta cúltico (cf **2**, 16; **5**, 1-4.5-11).*

*Con todo, o seu profetismo non se pode encaixar nas tradicións e formas do profetismo cúltico, senón que se enraíza máis ben no profetismo carismático (do tipo dos profetas que deixaron escritos), pois a súa preocupación primeira é a chamada á conversión (cf **1**, 3-6; **7**, 4-14. 16-17). Tamén recolle da tradición profética (Amós...) formas literarias, coma o octonario e os setenarios de visións e o setenario de oráculos proféticos. As mesmas imaxes literarias están en boa parte tomadas dos profetas anteriores: por exemplo, a imaxe do rolo voador (**5**, 1-4) foi tomada de Ez **2**, 9-10. Zacarías reflicte ademais dun coñecemento profundo das tradicións proféticas, unha profunda estima pola actividade dos antigos profetas (cf **2**, 13. 25; **4**, 9; **6**, 15).*

*A tradición xudía construíu a lenda do martirio de Zacarías, pola confusión da súa persoa cun sacerdote do mesmo nome e de quen se fala en 2 Cro **24**, 20. 22.*

### 3. Estrutura da obra e contidos teolóxicos

3.1. *A estrutura da obra é moi sinxela: a) comeza cunha chamada á conversión; séguelle un octonario de visións, co esquema habitual de visión, explicación da mesma, e especie de oráculo con interpretación teolóxica das circunstancias nas que vive a comu-*

*nidade (o carácter mesiánico de Zerubabel e do sumo sacerdote Iehoxúa e o encoraxamento aos repatriados). O octonario é unha forma literaria de superperfección, pois engádelle algo ao número sete (que xa é un número perfecto); b) a segunda parte (cc.* ***7-8****) está formada por un setenario de oráculos salvíficos sobre a restauración, con motivo da cuestión dos deportados sobre o sentido do xaxún público ou lamentación colectiva. Estes xaxúns non se ven necesarios, pois aqueles feitos que levaron á caída de Xerusalén xa se están superando coa reconstrución. O profeta, non obstante, responde que se manteña o xaxún, pois a restauración mesiánica aínda non chegou. Este momento virá cando o templo estea rematado e se abra aos pagáns.*

3.2. *A mensaxe teolóxica de Zacarías diríxese fundamentalmente en dous sentidos: o primeiro, salientar a transcendencia de Deus mediante as visións, que interpreta un anxo, e a introdución doutros mediadores, celestes (anxos), ou terrestres (cabalos). Este xeito de profetismo desembocará na apocalíptica, que recollerá estas formas para a súa tarefa literaria.*

*O segundo aspecto é a esperanza no cumprimento das promesas mesiánicas e universalistas, que require a previa reconstrución do templo e a restauración do culto lexítimo. O profeta ve case comezada a era mesiánica, pola presenza do príncipe davídico Zerubabel, a quen asocia outro príncipe mesiánico levítico, o sumo sacerdote Iehoxúa. Este dobre mesianismo terá toda a súa forza nas comunidades esenias do século primeiro, e levará aos cristiáns a recoñecer en Xesús non soamente o rei mesiánico, senón tamén o sumo sacerdote da Nova Alianza.*

## B. O DÉUTERO-ZACARIAS (Zac **9-14**)

### 1. Cuestión crítica e histórica

*En Zac* ***9****, 1 e* ***12****, 1 emprégase a palabra hebrea massá (=oráculo) en sentido colectivo. Isto levou a moitos críticos da ciencia bíblica a distinguir dúas coleccións de escritos.*

*Para resolver esta problemática cómpre examinar os textos, tratando de descubrir os contrastes de preocupación e o momento histórico no que xurdiron, pois non temos datacións como en Zac* ***1****, 1 e 7, 1. Esta aproximación xa se fai nas notas ás diferentes unidades literarias do texto, que aquí resumimos.*

### 2. Estrutura literaria, a condición do autor e o contido teolóxico do Dt-Zac

*Na estrutura literaria do Dt-Zac distinguimos tres bloques:*

2.1. *Bloque I:* ***9****, 1-****11****, 17 e* ***13****, 7-9*

*Estes oráculos proceden da situación histórica que vai do ano 332 (cando Alexandre conquista Siria, a Filistea e Xudá) ata os anos seguintes á actuación opresora de Ptolomeo I Soter (323-285). Os ideais universalistas e de cultura foron asumidos polo autor (cf notas a* ***9****, 9-10) e proxectados aos ideais mesiánicos. As preocupacións do noso profeta son a harmonía e convivencia pacífica internacional, e a unión e harmonía teolóxica e relixiosa entre Xudá e Israel (a casa de Xosé: Efraím e Menaxés), harmonía que se viña rompendo desde a reforma de Esdras por culpa do desprezo aos samaritanos. O profeta, atento á teoloxía do pobo da Alianza, trata sen éxito de manter a unidade entre as tribos de Xacob. Nesa época constrúese o templo samaritano no monte Garizim, preto do antigo santuario de Xequem.*

*O autor deste bloque I, de nome descoñecido, sintoniza coa teoloxía da tradición profética e ao mesmo tempo cos problemas da súa época, intentando resolvelos á luz das tradicións teolóxicas. É o home de Deus que sente na súa esperanza a proximidade do reinado de Deus, que chegará co seu Mesías. Este acabará coa guerra e anunciará a paz ás nacións (****9****, 9-10). Os mesmos deportados por Ptolomeo I a Alexandría e por Seleuco a Siria, han volver, pois o Señor levará a termo a súa guerra contra os inimigos (os helenistas), para traer os deportados e construír o seu reino, aberto a todos os pobos. Mantén, coma os seus devanceiros dos séculos VIII e VII, a esperanza salvífica e mesiánica, que atopará o pleno cumprimento en Xesús de Nazaré.*

*O autor non soamente se sente un fracasado, senón que prevé a súa morte violenta, coma un novo Servo de Iavé (Is* ***52****, 13-****53****, 12), nunha loita escatolóxica e segundo os planos de Deus (****13****, 7-9), da que xurdirá a*

*Nova Alianza de Deus co seu pobo. Á luz da revelación, o profeta entende a súa tarefa e mais a súa morte violenta como función mesiánica-rexia, como apacentador do pobo. Prepara así, sen intentalo directamente, as bases bíblicas para a comprensión da figura de Xesús de Nazaré como Mesías, e da súa morte violenta na cruz como función pastoral e mesiánica.*

2.2. *Bloque II:* ***12****, 1-****13****, 6*

*Así como no bloque I encontramos tensións entre Xudá e Israel (= Samaria), aquí dáse a tensión entre Xerusalén e Xudá, desaparecendo completamente as anteriores. Para localizar o momento histórico no que aparecen estas tensións, dános luz o seguinte: a lamentación fúnebre que se converte en lamentación colectiva e penitencial é a lamentación polo "non poderoso" (cf nota a* ***12****, 10), aquel "a quen atravesaron". Este personaxe non pode ser outro ca o pastor-profeta do bloque I, polo que o autor desta parte sería un discípulo do autor da parte anterior. A xulgar polo tratamento da devandita tensión interna no pobo, debeu ser oriúndo dalgunha cidade de Xudá e, polo mesmo, sensible ás tensións causadas pola hexemonía cultural e mesiánica de Xerusalén. Esta mesma orixe explícanos abondo Zac* ***12****, 7: a primacía temporal da salvación de Xudá, para humillar a soberbia de Xerusalén (fundada esta na elección de Sión e da familia davídica).*

*A purificación dos cultos idolátricos no país (****13****, 2-6) tamén se explica mellor se o autor procede dunha das pequenas cidades de Xudá, lugares onde volveron florecer os antigos cultos cananeos, impulsados polos láxidas de Exipto, e o movemento helenista en xeral.*

*Este bloque debeuse compoñer nos últimos anos do século IV.*

2.3. *Bloque III:* ***14****, 1-21*

*É característica desta unidade literaria a ausencia de trazos mesiánicos, pois o reino de Deus aparece como obra persoal do propio Iavé, que é Rei e Señor dos Exércitos. Estes títulos divinos arcaicos son tamén característica especial desta unidade literaria e están case ausentes do resto da colección.*

*A falta de referencias históricas nesta unidade fai que todo intento de datación resulte puramente hipotética. Con todo, as consideracións que deste capítulo fai a obra xudía precristiá do "Séder Olam", son un testemuño moi antigo da súa orixe independente do resto de Zacarías.*

*Sobre a teoloxía destes tres bloques, poden verse as notas introdutorias ás distintas unidades literarias.*

# ZACARÍAS

## PROTO-ZACARÍAS

## PRIMEIRA PARTE: OCTONARIO DE VISIÓNS

### Chamada á conversión

**1** [1]No mes oitavo do ano dous de Darío,
veulle a palabra do Señor a Zacarías, fillo
de Berequías, fillo de Idó, nestes termos: [2]–O
Señor está moi anoxado contra vosos pais.
[3]Hasllles dicir: "Así fala o Señor dos Exércitos: Volvede cara a min –oráculo do Señor
dos Exércitos–, e eu volverei a vós" –díxoo
o Señor dos Exércitos–. [4]Non sexades coma
vosos pais, contra os que os profetas do pasado clamaron dicindo: "Así fala o Señor
dos Exércitos: Volvédevos dos vosos malos
vieiros e das vosas obras ruíns". Pero non me
fixeron caso nin me prestaron atención –é o
Señor quen fala–. [5]Os vosos pais, onde están?; e os profetas, vivirán eternamente? [6]As
miñas palabras e os meus decretos, que eu encarguei aos meus servos os profetas, non lles
chegaron aos vosos pais? Eles convertéronse
e dixeron: "Tal como o Señor dos Exércitos
pensou facernos a nós, conforme aos nosos
vieiros e aos nosos feitos, así nolo fixo".

### Primeira visión: o anxo e os cabalos que están entre os mirtos

[7]O día vinte e catro do mes undécimo, o
mes de *Xebat*, no ano segundo de Darío, veulle a palabra do Señor ao profeta Zacarías,
fillo de Berequías, fillo de Idó, nestes termos:
[8]Tiven unha visión durante a noite e velaí un
home montado nun cabalo vermello. Estaba
de pé entre os mirtos, que teñen as raíces nas
profundidades, e detrás del había cabalos
vermellos, cardosos e brancos. [9]Entón eu dixen: –Meu Señor, que son estas cousas?

O anxo que falaba comigo díxome: –Eu
vouche facer ver o que son estas cousas.

[10]E o home que estaba de pé entre os mirtos, respondeu: –Estes son aqueles a quen o
Señor lles encargou que percorresen a terra.

[11]Entón eles dirixíronse ao anxo do Señor
que estaba de pé entre os mirtos, e dixéronlle:
–Xa percorremos a terra, e velaí que toda a
terra está habitada e tranquila.

[12]Entón o anxo do Señor tomou a palabra,
e dixo: –Señor dos Exércitos, ata que día non
te vas compadecer de Xerusalén e das cidades de Xudá, coas que levas anoxado setenta
anos?

[13]E o Señor respondeulle ao anxo, que falaba comigo, palabras boas e palabras consoladoras. [14]Entón o anxo que falaba comigo
díxome: –Proclama isto: "Así fala o Señor
dos Exércitos: Teño celos por Xerusalén e por
Sión, grandes celos. [15]Estou moi anoxado coas
nacións, fachendosas da súa tranquilidade. Si,
estaba un pouco alporizado, pero eles axudaron co seu mal. [16]Por isto, así fala o Señor:

**1**, 1 A data refírese ao ano 520, no remate do mes de outubro e novembro, un mes antes da última profecía de Axeo.
*Fillo de Berequías*. Non é preciso considerar esta expresión como unha glosa polo feito de que se diga tamén fillo de Idó. Probablemente haxa que entendelo como descendente de Berequías e de Idó.
**1**, 2 O enfado contra os pais continúase cos fillos; cómpre, pois, que os fillos se convertan, para que o Señor se volva benévolo.
**1**, 4 Este v. refírese á rebeldía dos devanceiros ao comezo do exilio.
**1**, 5-6 Chamada a adoptar a mesma actitude de conversión que tiveron os pais, ao escoitar a voz dos profetas exílicos.
**1**, 7 A data e a introdución afecta a toda a serie de visións, consideradas como palabra do Señor. A data concreta é o vinte de febreiro do ano 519.
**1**, 8 *O home montado nun cabalo* e de pé entre os mirtos (cf v. 11), é o anxo xefe da inspección da terra, pois os outros cabalos, ou significan ou teñen sobre si anxos (a xulgar polo v. 11).
*Os mirtos* empregados na festa das Cabanas (Neh 8, 14) son, segundo Isaías (**41**, 19; **55**, 13), símbolo da era mesiánica. Estes mirtos enraízanse nas profundidades, pois o Abismo, unha vez dominado por Deus, está ao seu servizo.
Os LXX e moitos críticos engaden "brancos" e "negros" antes de "cabalos", harmonizando con **6**, 2 para completar o número de catro colores, número cósmico, ao ser a súa misión a de percorrer a terra.
**1**, 11 O informe do anxo sobre a tranquilidade da terra, que responde ben á historia da data do v. 7, non dá esperanzas de que a era mesiánica estea á vista, pois deberán ocorrer primeiro guerras e tumultos (cf Ax **2**, 22).
**1**, 12 A cifra de 70 anos ten aquí un valor global de tres xeracións, como en Xer **25**, 11; **27**, 7; **29**, 10. En 2 Cro **36**, 21 ten o valor numérico do período da catividade, considerándoa concluída coa dedicación do segundo templo (586-516 = 70).
**1**, 13 O anxo mediador da revelación serve tamén para resaltar a transcendencia de Deus.
**1**, 14-17 Oráculo explicativo da visión. Sublíñanse os celos amorosos de Deus por Xerusalén, que culminarán na reconstrución do templo e da cidade, e na ira de Deus contra as nacións pagás. Por atoparse estas aínda tranquilas, non se provoca a situación crítica da que xurdirá a era mesiánica (cf Ax **2**, 22ss e Hab **3**, 16-29).

Volvereime a Xerusalén con misericordia, e o
meu templo será reconstruído por ela, –oráculo do Señor dos Exércitos– e o cordel de
medir estenderase sobre Xerusalén". [17]Volve
proclamar nestes termos: "Así fala o Señor
dos Exércitos: As miñas cidades volverán a
fartarse de bens. Si, o Señor volverase compadecer de Sión e volverá preferir a Xerusalén".

### Segunda visión: os catro cornos e os catro ferreiros

**2** [1]Erguín os ollos e tiven unha visión: e
velaí había catro cornos. [2]Entón díxenlle
ao anxo que falaba comigo: –Que é isto?

El contestou: –Estes son os cornos que espallaron a Xudá, a Israel e a Xerusalén.

[3]Logo o Señor fíxome ver catro ferreiros.
[4]Eu dixen: –Que veñen facer estes?

El respondeume: –Aqueles son os cornos que espallaron a Xudá, de xeito que ninguén puido levantar a súa cabeza e estoutros veñen para espantalos, para botar fóra os cornos das nacións, que levantaron o seu corno contra o país de Xudá para o espallaren.

### Terceira visión: Xerusalén será unha vila aberta

[5]Logo erguín os meus ollos e tiven unha
visión: Velaí un home e na súa man un cordel
de medir. [6]Díxenlle: –Onde vas ti?

E el contestou: –Medir Xerusalén, para ver cal é a súa longura e cal é a súa anchura.

[7]O anxo que falaba comigo saíu, e outro
anxo veu ao seu encontro, [8]e díxolle: –Corre
e fálalle a ese mozo nestes termos: "Xerusalén debe seguir sendo cidade aberta. Por mor
do fato de homes e animais que haberá dentro dela. [9]Eu voume converter –oráculo do
Señor– na súa muralla de lume todo arredor e
convertereime na súa gloria no medio dela".

### Chamada aos que quedaron en Babilonia

[10]Ai! Ai!, fuxide do país do norte
–é o Señor quen fala–,
que vos vou esparexer
coma os catro ventos do ceo
–é o Señor quen fala–.
[11]Ai, Sión!: escapa,
ti que habitas na casa de Babilonia.
[12]Porque así fala o Señor dos Exércitos,
quen despois da súa manifestación
gloriosa me enviou
contra as nacións
que vos teñen saqueado:
"Si, quen vos fere,
fere a meniña do meu ollo".
[13]Velaquí que eu movo a miña man
contra eles, e serán presa
dos seus servos:
entón recoñeceredes que o Señor
dos Exércitos me mandou.

### Alégrate, filla de Sión

[14]Exulta e alégrate, filla de Sión,
pois, velaí, eu chego,
e habitarei no medio de ti
–é o Señor quen fala–.
[15]No día aquel pobos numerosos
uniranse ao Señor, serán o meu pobo.
Habitarei no medio de ti,
e entón recoñecerás
que o Señor dos Exércitos
me mandou onda ti.
[16]O Señor collerá en herdanza a Xudá,
que é o seu quiñón na Terra Santa,
tamén volverá escoller a Xerusalén.

**2**, 1-4 *Os cornos* significan as potencias militares especialmente poderosas (cf Dt **23**, 17; 1 Re **22**, 11; Sal **92**, 11; Xer **48**, 25). O número *catro* é símbolo do carácter terreal destes exércitos, pois catro son os puntos cardinais, as esquinas maléficas da terra, os ventos. Por iso non se refire o texto a ningunha potencia concreta, senón a todas. *Os ferreiros* son tamén catro, e, polo tanto, son poderes terreais, encargados de espantar os cornos.
*O país*, heb. *eres*, ten aquí o sentido de "poboación dun país" (neste caso, Xudá).
**2**, 5-9 Esta visión recolle o tema da reconstrución de Xerusalén (**1**, 16). Crea un contraste rechamante entre os plans do anxo intérprete que vai medir Xerusalén para construír a muralla, e o outro anxo que lle comunica ao primeiro o plan divino de facer da Xerusalén mesiánica unha cidade aberta, sen murallas, pois Deus será a súa muralla. *De lume*: o lume é un dos signos da presenza gloriosa de Deus.
**2**, 10-17 A serie de visións interrómpese con dous comentarios: a) vv. 10-13, un comentario ás dúas primeiras visións; e b) vv. 14-17, comentario en forma de cantar profético a Sión, á Xerusalén da era mesiánica.
**2**, 10-13 Sucesión de dous *Ais* (vv. 10. 11) que expresan a desgraza que afecta ás nacións entre as que viven os deportados: por isto exhórtaselles a escapar de alí. No momento en que vive Zacarías non se ve tal desgraza; polo tanto hai-na que buscar nas dúas primeiras visións (cf v. 11b), que, como palabra dinámica de Deus, está xa facendo forza por realizarse na historia. *O país do norte* é unha expresión típica dos textos escatolóxicos (cf Is **14**, 30; Xer **1**, 14-4; **4**, 6; Ez **28**, 29; Xl **2**, 20). *Babilonia*, despois do exilio, veu ser símbolo de hostilidade contra o pobo de Deus.
**2**, 12 *Do meu ollo*. Algúns manuscritos din "o seu ollo", fuxindo dos antropomorfismos referidos a Deus.
**2**, 14-17 Este canto a Sión comenta un futuro profético: a reconstrución da Nova Xerusalén. Une os temas da presenza de Deus no templo en reconstrución, o universalismo salvífico cara ás nacións pagás, e a elección amorosa que Iavé volve facer de Sión e Xudá. Conclúe co anuncio dunha teofanía para todo o cosmos.
**2**, 16 *Terra Santa*. É a primeira vez que se emprega esta fórmula na Biblia. A santidade de Xudá é consecuencia da elección divina desta terra para lle dar culto nela, como lugar especial da súa manifestación salvífica.

17Silencio, carne toda,
por mor da presenza do Señor!
Si, esperta e sae da súa Morada Santa!

**Cuarta visión**

A) *Restauración do sumo sacerdocio de Iehoxúa*

**3** 1Apareceume en visión o sumo sacerdote Iehoxúa, de pé diante do anxo do Señor, e Satanás estaba á súa dereita para o acusar. 2O Señor díxolle a Satanás: –O Señor reprenderate, Satanás; reprenderate o Señor, que escolle a Xerusalén. Acaso non é máis ca un tizón collido do lume?

3Iehoxúa ía vestido con roupas lixosas e estaba de pé diante do anxo. 4Este colleu a palabra e díxolles aos que estaban diante súa: –Quitádelle as roupas luxadas.

E a el díxolle: –Olla, retiro de sobre ti a túa iniquidade, pero trata de vestirte con vestidos limpos. 5E engadiu: –Póndelle unha tiara limpa na cabeza.

Colocáronlle a tiara limpa na súa cabeza e puxéronlle os vestidos. O anxo do Señor estaba alí de pé. 6Logo o anxo do Señor fixolle unha declaración a Iehoxúa nestes termos: 7–Así fala o Señor dos Exércitos: "Se camiñas polos meus vieiros e se gardas os meus mandamentos, ti gobernarás o meu templo e gardarás os meus adros e dareiche entrada libre entre estes que están aquí. 8Escoita ben, Iehoxúa, sumo sacerdote, ti e os teus compañeiros que sentan na túa presenza porque eles son homes proféticos.

B) *Restauración do sacerdocio e do templo na perspectiva mesiánica*

Si, vede: vou traer o meu servo, o Refillo. 9Si, velaí a pedra que puxen diante de Iehoxúa: sobre esta pedra única hai sete ollos: nela vou esculpir o seu gravado –é o Señor dos Exércitos quen fala– e no mesmo día quitarei a iniquidade deste país. 10O día aquel –é o Señor dos Exércitos quen fala– invitaredes cada un ao seu compañeiro, debaixo da parra e debaixo da figueira".

**Quinta visión: o candelabro, o sacerdote e o príncipe mesiánico**

**4** 1O anxo que falaba comigo volveu e espertoume, coma quen esperta do sono. 2E díxome: –Que ves ti?

Contesteille: –Tiven unha visión, e vin un candelabro todo el de ouro coa aceiteira na súa cima e sete lámpadas nel, e sete bicos nas lámpadas que tiña na súa cima. 3Ao lado ha-

**3**, 1-10 Esta visión, ben distinta das outras, consta de dúas partes: a) vv. 1-7: presentación de Iehoxúa nun xuízo celeste. Acusado por Satanás, é defendido polo anxo de Deus (vv.1-2), que dá ordes aos outros anxos de entregarlle ao sumo sacerdote vestidos limpos para exercer o culto lexítimo (vv. 3-5). Conclúe o relativo a Iehoxúa co estatuto do sumo sacerdote (vv. 6-7); b) (vv. 8-10): presaxio referente á chegada do *Refillo* ou Xermolo (= Mesías), á reconstrución do templo como morada de Deus e á chegada dos tempos mesiánicos.

**3**, 1 *Satanás* non é aínda a encarnación do poder das tebras o adversario acérrimo de Deus que aparece no N. T. A súa liña é evolutiva, indo desde o espírito que engana (1 Re **22**, 21), pasando polo espírito que fai mal pola súa conta, baixo o dominio de Deus (Xob **1**, 7; **2**, 2), ata chegar a ser a encarnación do inimigo, que emprega as súas facultades sobrenaturais para tentar o home (cf 2 Sam **24**, 1). No libro de Zacarías aínda non chega a tentalo: soamente o acusa.

**3**, 2 *Non é máis ca...?* Iehoxúa non é un tizón collido do lume (algo inútil e inservible, cf Am **4**, 11), senón que é o fundamento das esperanzas de restauración de Israel.

**3**, 3-5 A esixencia de limpeza é moi propia do culto postexílico, sexa en referencia ás vítimas que han de ser lexítimas (Ax **2**, 14), sexa no tocante aos sacerdotes e ao pobo que participa no culto.

**3**, 7 *A entrada libre* refírese á capacidade do sumo sacerdote, de chegar coas súas ofrendas á presenza de Deus no ceo, onde acontece a visión (cf nota aos vv. 1-10).

**3**, 8 *Homes proféticos* (lit. "homes de presaxio"), equivale a un signo profético da vinda do Mesías (cf Is **8**, 18). A expresión *meu servo* é tamén mesiánica, segundo Is **49**, 5-6; **52**, 13. Aínda que o mesianismo non se pode identificar co sacerdocio, é sinal de inminente chegada do *Refillo* (= Mesías).

**3**, 9 *A pedra, pedra única*: por paralelismo con 8b, hai que considerar a pedra única como o poder mesiánico de Zerubabel (cf Lev **16**, 36; Dt **25**, 15; 2 Sam **14**, 26; Pr **11**, 1). *Os sete ollos* que hai sobre a pedra simbolizan a plenitude da compracencia divina sobre o poder mesiánico. *O gravado* sobre o tal poder refírese á imposición dun nome que consagra este poder a Iavé: "santo para Iavé".

3, 10 "O quitar a iniquidade do país" (v. 9) e a "fartura e felicidade", expresadas pola invitación ao compañeiro debaixo da parra e da figueira (1 Re **5**, 5; 1 Mac **14**, 12; Miq **4**, 4), serán consecuencias do comezo da era mesiánica.

**4**, 1-14 Esta unidade literaria está formada por unha visión co estilo das tres primeiras e das tres últimas da serie de sete, compostas no esquema clásico de visión (vv. 1-3), diálogo (vv. 4-6a) e clarificación da visión (vv. 10b-14); pero o redactor, ou quizá o mesmo autor, puxo no centro da visión, e como explicación da mesma, un, dous ou tres oráculos relativos a Zerubabel (vv. 6b-10a), unha das oliveiras da visión simbólica, na súa función de construtor do templo, que fai posible a realidade de tal visión. O "candelabro con sete lámpadas e sete bicos" (v. 2) simboliza a presenza benévola e salvífica ("sete ollos") de Deus entre o sumo sacerdote e o príncipe mesiánico, que co seu aceite fan posible a tal presenza. Certo, se Zerubabel non reconstruíse o templo, non sería posible esta presenza benévola de Deus, nin o sacerdocio.

**4**, 1 *Espertoume*. Non se presenta a visión como un soño profético, senón como algo que se realiza en estado de vixilia, para salientar a importancia da visión.

**4**, 2 Non se trata do candelabro de sete brazos, senón dunha vasilla de aceite con sete bicos, ao estilo dos vellos candís de aceite e pingo feitos de ferro.

bía dúas oliveiras, unha á dereita da aceiteira
e outra á súa esquerda.
4Logo collín a palabra e díxenlle ao anxo
que falaba comigo: –Meu Señor, que son es-
tas cousas?
5E o anxo que falaba comigo respondeu-
me: –Non sabes que son estas cousas?
Eu díxenlle: –Non, meu Señor.
6El repúxome: –Esta é a palabra do Señor
acerca de Zerubabel, nestes termos: Non é
polo poder, nin pola forza, senón polo meu
Espírito –di o Señor dos Exércitos–. 7Quen
es ti, grande montaña? Diante de Zerubabel
resultas ser unha chaira. Si, el é quen coloca
a pedra da clave do arco. Hai clamores: "Que
bonita! Que bonita é!".
8Veume a palabra do Señor nestes termos:
9–As mans de Zerubabel puxeron os alicer-
ces deste templo e as súas mans rematárono.
Así recoñeceredes que o Señor dos Exércitos
me encargou de vir a vós. 10A quen despre-
zou o día dos pequenos comezos? Que se ale-
gren ao ver a pedra da chumbada na man de
Zerubabel. 10bÉstes sete bicos son os ollos do
Señor que percorren toda a terra.
11Eu collín a palabra e pregunteille: –Que
significan esas dúas oliveiras á dereita do
candelabro e á súa esquerda? 12Volvín co-
ller a palabra de segundas e díxenlle: –Que
significan as dúas pólas da oliveira, cos dous
tubos de ouro que levan o aceite da primeira
prensadura?
13El díxome así: –Non sabes o que signi-
fican?
Contesteille: –Non, meu Señor.
14El dixo: –Estes son os dous que están
marcados co aceite, e mantéñense de pé ao
lado do Señor de toda a terra.

### Sexta visión: o libro da maldición

**5** 1Volvín erguer os meus ollos e tiven unha
visión: velaí un rolo de escribir que voaba.
2El díxome: –Que estás vendo?
Eu contesteille: –Estou vendo un rolo de
escribir que vai voando; o seu longo é de vin-
te cóbados, a súa anchura de dez.
3Entón el díxome: –Isto é a maldición que
se estende por todo o país; conforme a ela
todo o que roube será expulsado deste país,
e todo o que perxure, será tamén expulsado.
4Fíxena saír –é o Señor dos Exércitos quen
fala–, para que entre na casa do ladrón e na
casa do que xura en falso polo meu nome
para que quede dentro delas e se consuman
as súas madeiras e as súas pedras.

### Sétima visión: a muller posta na medida de *efah*

5Logo saíu o anxo que falaba comigo e
díxome: –Ei! Abre os teus ollos, que é iso
que aparece?
6Contesteille: –Que é?
E el díxome: –Iso é unha medida de *efah*
que se aparece. E engadiu: –Isto é a iniquida-
de deles en todo o país.
7Daquela levantouse da terra un disco de
chumbo, e onda el unha muller sentada na
medida de *efah*. 8El dixo: –Esta é a Maldade.

**4**, 6b A presenza e actividade de Zerubabel é obra do Espírito de Iavé, que deste modo suscita un mesianismo recoñecido e cantado polo profeta. O Espírito do Señor dirixe así a historia do mundo.
**4**, 7 *Coloca a pedra*. A grandeza de Zerubabel reflíctese na reconstrución do templo, o que o converte nun "novo Salomón".
**4**, 9-10 Estas segundas palabras son un cantar á obra de reconstrución de Zerubabel.
**4**, 10b "Os sete ollos de Deus" (= a plenitude de visión de Deus) rexen todo o mundo desde o novo templo de Xerusalén, constituíndo a Xerusalén no centro cósmico do seu poder.
**4**, 12 As dúas oliveiras teñen sobre elas uns touros que levan o aceite para o candelabro, e deste xeito fan posible a presenza salvífica de Deus na historia. Quere isto dicir que, tanto o poder secular como o poder sacerdotal, coa súa consagración a Deus, fan posible a presenza salvífica do Señor na historia do mundo.
**4**, 14 *Marcados co aceite*: lit. "fillos do aceite". Son o sumo sacerdote unxido na súa consagración, despois do exilio e Zerubabel, o príncipe secular (quen debeu ser tamén unxido, segundo as esperanzas mesiánicas que aquí aparecen). *Mantéñense de pé*: é a actitude dos servidores do rei (aquí, dous).
**5**, 1-4 A finalidade desta visión é a de proclamar a pureza da terra santa, proferindo maldicións capaces de exterminar dela a todo ladrón e perxuro, e de impedirlle a entrada no santuario reconstruído (cf Sal **15**; **24**, 3-5), pois as medidas do rolo da maldición son as do primeiro pórtico do templo de Salomón (cf 1 Re **6**, 3).
**5**, 2 *Rolo de escribir*. Depende de Ez **2**, 9ss; **3**, 1-3. Probablemente considérase escrito polas dúas caras.
**5**, 3 *A maldición*, como palabra sagrada da conclusión da alianza, ten un dinamismo destrutor e exterminador, que se funda na vontade divina de establecer a mesma alianza co seu pobo, polo que consumirá a madeira e as pedras das casas dos pecadores.
**5**, 5-11 Esta nova visión ten unha finalidade complementaria da visión anterior: a expulsión da iniquidade e maldade do pobo, e o seu traslado a Babilonia, onde se lle dedica un templo.
**5**, 6 *O efah*: medida de áridos, de 40 l.
*A iniquidade deles*. Aínda que o texto hebreo leu "os seus ollos", os LXX e a tradución siríaca leron "a súa iniquidade". A diferenza depende soamente do trazo dunha raia vertical. Esta iniquidade, e a Maldade (v. 8), fan referencia á idolatría. Segundo Ez **36**, 25, na restauración, o pobo debía ser purificado dos ídolos.

Logo botouna dentro da medida de *efah* e púxolle a lousa de chumbo á boca da medida de *efah*.

9Logo abrín os ollos e tiven unha visión: Apareceron dúas mulleres: tiñan espírito nas súas ás, e as ás eran coma as ás da cegoña. Levantaron a medida de *efah* entre a terra e o ceo. 10Entón pregunteille ao anxo que falaba comigo: –Onde están levando elas a medida de *efah*?

11El díxome: –Van construírlle unha casa no país de Xinar, e cando estea feita, será posta alí sobre o seu pedestal.

**Oitava visión**

A) *Os catro carros e a volta dos exiliados*

**6** 1Volvín levantar os meus ollos, e tiven unha visión: velaí, catro carros saían de entre dúas montañas e as montañas eran de bronce. 2No primeiro carro había cabalos vermellos; no segundo, cabalos negros; 3no terceiro, cabalos brancos; e no cuarto, cabalos baios. 4Logo tomei a palabra e pregunteille ao anxo que falaba comigo: –Que é isto, meu Señor?

5O anxo respondeu: –Estes catro saen na dirección dos ventos do ceo, despois de estaren na presenza do Señor de toda a terra. 6O carro no que están os cabalos negros sae para o país do norte; os brancos, para o occidente daqueles; e os baios, para o país do sur.

7Os cabalos baios saen e tratan de camiñar e de percorrer o país. El díxolles: –Marchade e percorrede o país.

E eles percorreron o país. 8El berrou e díxome: –Mira, os que saen para o país do norte fan repousar o espírito do Señor no país do norte. 15Os que están lonxe virán e construirán o santuario do Señor, e entón recoñeceredes que o Señor dos Exércitos me mandou onda vós. Isto sucederá, se vós facedes caso en serio da voz do Señor, o voso Deus.

B) *A coroación de Zerubabel e Iehoxúa*

9Veume a palabra do Señor nestes termos: 10–Recolle bens de entre os deportados de Heldai, de Tobías, de Iedaías. O día que volvas, traeralos á casa de Ioxías, fillo de Sefanías, que xa volveu de Babilonia. 11Has coller a prata e o ouro, farás unhas coroas e poralas na cabeza do sumo sacerdote Iehoxúa, fillo de Iehosadac, e na de Zerubabel. 12E diraslle a este: "Así fala o Señor dos Exércitos:

**5**, 9 Estas dúas mulleres non teñen máis relación coa Maldade que levala lonxe do país, pois a semellanza das súas ás coas dunha cegoña (en heb. "hasidah": "a fiel"), deixa ver que son instrumentos da purificación da terra santa na nova idade mesiánica.
*Espírito nas súas ás*. Espírito ten aquí o sentido de forza, e non equivale a vento.
**5**, 11 *O país de Xinar* é, desde os comezos da Biblia, o símbolo das ansias de dominio absolutista e da oposición á vontade de Deus, o mesmo que da idolatría (Xén **10**, 10; **11**, 2; **14**, 1. 9; Xos **7**, 21; Is **11**, 11; Dn **1**, 2). Refírese a Babilonia, tal como o interpretaron os targums, a versión dos LXX e outras versións. *A casa* é aquí un templo, na forma dun cigurat, como deixa ver a referencia ao pedestal. Este templo é un falso arremedo do construído en Xerusalén.
**6**, 1-15 Esta visión, a oitava da serie, e con semellanzas de contido respecto á primeira (os cabalos), refírese á chegada dos repatriados (cf Esd **1**, 5ss), pois os cabalos que están diante do Señor son os que levan o Espírito do Señor a Babilonia para alentar este retorno. O autor empregou un procedemento semellante ao do c. **4** (a visión central), para interpretar o texto relativo ás coroas de Zerubabel e Iehoxúa (vv. 9-14), que contén os oráculos da coroación. A serie de oito visións (e non sete como é habitual) quere expresar o paso a unha nova situación salvífica na historia: o período mesiánico (cf o octonario das benaventuranzas de Mt **5**, 3-10), que nesa forma literaria quere expresar a revelación da lei dos novos tempos.
**6**, 1 *As montañas... de bronce*: referencia ao mito xeolóxico das columnas que sosteñen a terra (as columnas de Hércules), que se consideraban en Babilonia como a entrada no ceo. A súa localización en Tárxix (= Andalucía), e a abundancia de bronce nestas comarcas, foi a causa de consideralas "montañas de bronce".
**6**, 5 Estes carros de guerra teñen a misión de inspeccionar o mundo e de levar o Espírito (forza ou dinamismo salvífico do Señor) onde o Señor lles manda, pois saen da súa presenza.
**6**, 7 Confúndense os cabalos vermellos (do v. 2) cos cabalos baios (do v. 3): faltan aqueles e repítense estes.
**6**, 8 *O país do norte* é Babilonia.
**6**, 15 Este v. foi posto moi ben aí, polo sistema de englobar un texto dentro doutro para expresar que forma con el unha unidade. Constitúe de feito o último sentido da visión dos carros.
**6**, 9-14 Estes vv. forman parte da visión dos carros, e hanse considerar como visión profética de que os desterrados veñen para constituír o reino mesiánico: por isto se fala aquí da coroación do sumo sacerdote e de Zerubabel. O texto recibiu retoques (como a supresión do nome Zerubabel no v. 11), ante o fracaso das esperanzas mesiánicas postas no príncipe de ascendencia davídica. De feito, o tema central dos vv. 12-13 é servir de oráculo profético para a entronización do príncipe mesiánico, que non pode ser outro ca Zerubabel, pois alúdese á reconstrución do templo, e na última parte do v. 13 dise que "entre os dous" (Iehoxúa e Zerubabel) "haberá un proxecto de paz". A coroa rexia, posta no santuario como memorial das esperanzas mesiánicas (v. 14), pertence aos retoques operados no texto primitivo.
**6**, 10 *Sefanías* era o sacerdote inimigo de Xeremías. Foi deportado no 587 (cf 2 Re **25**, 18; Xer **29**, 25. 29; **37**, 3).
**6**, 11 *Unhas coroas*. A forma hebrea é plural; pero algúns autores danlle un sentido singular de coroa con varios círculos, por non querer introducir a paréntese que o contexto esixe.
**6**, 12 *Refillo* (heb. "semah": cf **3**, 8) fai xogo verbal con refillará por debaixo de si.

Velaí un home, que ten por nome *Refillo*,
e por debaixo de si refillará,
e construirá o santuario do Señor.
Si, el reconstruirá o santuario do Señor.
[13]Levantará a maxestade rexia,
e sentarase para reinar sobre o seu trono,
haberá un sacerdote
sobre o seu propio trono,
e entre os dous traerán a prosperidade.
[14]No santuario do Señor a coroa servirá de memorial de Heldai, de Tobías e de Iedaías, e da xenerosidade do fillo de Sefanías.

# SEGUNDA PARTE:
# SERIE DE ORÁCULOS SALVÍFICOS ACERCA DO XAXÚN

## Primeira resposta ao pobo de Xerusalén

**7** [1]No ano catro do rei Darío, veulle a palabra do Señor a Zacarías, o día catro do noveno mes de *Casleu*. [2]Betel encargou a Saréser e ao oficial do rei e aos seus homes de iren implorar a presenza favorable do Señor, [3]e dicirlles aos sacerdotes que había no templo do Señor dos Exércitos e aos profetas: –Hei seguir facendo a lamentación no quinto mes, privándome de todo tal e como o veño facendo desde hai tantos anos?

[4]Entón veume a palabra do Señor nestes termos: [5]–Fálalles a todo o pobo do país e aos sacerdotes nestes termos: "Vós cando xaxuades e facedes lamentación no quinto e no sétimo mes, xa hai disto setenta anos, practicades o xaxún precisamente por min? [6]Cando comedes e bebedes, non o facedes por vós, comellóns e bebedores? [7]Acaso non coñecedes as palabras que o Señor proclamou por medio dos antigos profetas, cando Xerusalén estaba habitada e vivía tranquila o mesmo ca as cidades do seu arredor cando o Négueb e a Xefelah estaban habitados?".

## Razón polas que o xaxún aínda ha continuar

[8] Veulle a palabra do Señor a Zacarías nestes termos:

[9] Así fala o Señor dos Exércitos:
Sentenciade sentenza fiel.
Practicade cada un co seu irmán
a bondade e a misericordia.
[10]Á viúva e ao orfo,
ao emigrante e ao pobre,
non os oprimades.
Non matinedes nos vosos corazóns o mal,
cada un contra o seu irmán.

[11]Mais vós rexeitastes facer caso, puxestes ombro rebelde e endurecestes os vosos oídos para non escoitardes [12]e volvestes o voso corazón un diamante, para non facerdes caso desta lei e destas palabras, que o Señor dos Exércitos mandou mediante o seu Espírito por obra dos antigos profetas. Por isto houbo grande carraxe de parte do Señor dos Exércitos. [13]E sucedeu que, o mesmo que eu chamaba e vós non faciades caso, así tamén eles clamaban e eu non lles facía caso –di o Señor dos Exércitos–. [14]Eu espalleinos entre as na-

**6**, 13 *Entre os dous traerán a prosperidade*: lit. "entre os dous haberá un proxecto de paz".
Nótese o carácter rexio do sumo sacerdote, en colaboración co rei mesiánico en orde á paz, fartura e prosperidade do pobo (cf **3**, 7), aínda que na realidade soamente se manterá a función de goberno do sumo sacerdote.
**7**, 1 - **8**, 23 Estes dous cc. constitúen unha unidade de conxunto, pois a cuestión inicial do sentido do xaxún (**7**, 2-3) no momento da restauración, non ten resposta definitiva ata o oráculo de **8**, 12-22; e a exhortación sacerdotal de **7**, 9-10 nunha secuencia de xuízo sobre a historia, ten a súa resposta actualizada no oráculo salvífico de **8**, 14-17. O texto está ben organizado arredor da fórmula redaccional profética "veu a palabra do Señor", que aparece formando cinco unidades (**7**, 1. 4. 8; **8**, 1. 18), en torno ao sentido do xaxún na época da restauración (**7**, 1-3). Dáse unha primeira resposta nos vv. 4-7, para ofrecer a resposta definitiva na unidade final (**8**, 18-23).
**7**, 1-7 Esta unidade literaria presenta a devandita cuestión do xaxún, coa data (o primeiro de decembro do ano 510), e unha resposta ao pobo e aos sacerdotes, aos que acusa polas súas actitudes egoístas e de rexeitamento da palabra de Deus.
**7**, 2 *Betel* era o xefe da sinagoga babilónica.
**7**, 3 O *quinto mes* era o mes de *Ab* (xullo-agosto). Este xaxún respondía á data da caída de Xerusalén no 587 (cf 2 Re **25**, 8). Non tiña moito sentido chorar a caída de Xerusalén cando se estaba levantando o templo e estaba xa reconstruída, en boa parte, a cidade. A referencia a unha consulta aos profetas deixa entender que Zacarías debía ser un profeta cúltico, pois dá unha resposta, aínda que se dirixe ao pobo de Xerusalén.
**7**, 5 *A lamentación do sétimo mes*, o mes de *Tixrí*, responde á data do asasinato do gobernador Guedalías, segundo 2 Re **25**, 25 e Xer **41**, 1-3. A cifra de 70 anos é un número redondo (cf nota a **1**, 12).
**7**, 8-14 Exhortación sacerdotal á fidelidade á Alianza (vv. 9-10), á que segue unha declaración do exilio, á luz da culpabilidade do pobo. Xustifícase ademais a necesidade do xaxún e da lamentación colectiva, facendo ver que a esixencia de fidelidade á alianza aínda continúa.

cións que non coñecían, e o país quedou feito
unha desolación detrás deles, sen haber quen
o cruzase nin o habitase. Deste xeito conver-
teron un país de delicias nunha desolación.

**Setenario de oráculos de restauración**

**8** [1]Veu a palabra do Señor nestes termos:
[2]Así fala o Señor dos Exércitos:
Sinto grandes celos por Sión,
con grande paixón sinto celos por ela.
[3]Así fala o Señor:
Volvo a Sión, e habitarei
no medio de Xerusalén:
Xerusalén chamarase Cidade Fiel;
e a montaña do Señor dos Exércitos,
Montaña Santa.
[4]Así fala o Señor dos Exércitos:
Volverán sentar os vellos e mais as vellas
nas prazas de Xerusalén,
con cadanseu bastón na man
durante moitos días.
[5]E as prazas da cidade
encheranse de mozos e mozas,
xogando nas súas prazas.
[6]Así fala o Señor dos Exércitos:
Se isto é admirable aos ollos
do resto deste pobo, naqueles días
tamén será admirable aos meus ollos
–é o Señor dos Exércitos quen fala–.
[7]Así fala o Señor dos Exércitos:
Velaí, eu serei quen salve
o meu pobo do país do nacente
e tamén do país do solpor.
[8]Traereinos e habitarán
no medio de Xerusalén,
serán para min o meu pobo,
e eu serei para eles o seu Deus,
na fidelidade e na xustiza.
[9]Así fala o Señor dos Exércitos:
Que as vosas mans se fortalezan,
vós que nestes días escoitades
estas palabras da boca dos profetas;
nestes días nos que se poñen
os alicerces do templo
do Señor dos Exércitos
para reconstruír o santuario.
[10]Certo que antes destes días,
non se atopaba xornal para os homes,
nin había xornal para os animais,
e tanto quen saía como quen entraba
non tiña paz por culpa do perseguidor,
pois botara a todos os homes,
a cada un contra o seu próximo.
[11]Pero agora eu non serei
para o resto deste pobo,
coma nos tempos de antes
–é o Señor Deus dos Exércitos quen fala–.
[12]Velaí a sementeira da fartura:
a viña dará o seu froito,
a terra, o seu produto;
e o ceo o seu orballo;
darei en herdanza todo isto
ao resto deste pobo.
[13]Resultará que o mesmo
que fostes maldición entre as nacións,
casa de Xudá e casa de Israel,
así tamén eu vos salvarei
e seredes unha bendición.
Non teñades medo!
Que se fortalezan as vosas mans!
[14]Así fala o Señor dos Exércitos:
O mesmo que eu determinei
a desgraza contra vós,
cando os vosos pais me anoxaran
–fala o Señor dos Exércitos–
e non tiven compaixón,
[15]así, me arrepentín e tracei nestes días
facerlles ben a Xerusalén e á casa de Xudá.
Non teñades medo!
[16]Estas son as cousas
que habedes practicar:
Dicide a verdade cada un ao seu próximo.
Sentenciade con fidelidade
e con xuízo de paz nas vosas portas.
[17]Non maquinedes cada un
no voso corazón
o mal contra o seu próximo,
non lles collades gusto
aos xuramentos falsos,
porque é precisamente todo isto
o que eu aborrezo,
–é o Señor quen fala.

**8**, 1-17 Estes sete oráculos salvíficos van separados da sección anterior polas fórmulas redaccionais de **8**, 1 e pola introdución oracular "así fala o Señor dos Exércitos". Constitúen unha unidade literaria, na que se remarca o protagonismo divino no restablecemento da cidade e na reconstrución do templo, que asegura unha época de prosperidade e bendición. Pero esta bendición dependerá sempre da fidelidade ás esixencias da alianza (vv. 16-17; cf **7**, 9-10).

**8**, 3 A presenza permanente de Deus no templo levará consigo un nome especial para Xerusalén e Sión, que implica unhas esixencias de fidelidade por parte do pobo.

**8**, 8 *Serán para min o meu pobo*. É a fórmula da alianza.

**8**, 9-13 A prosperidade material e a bendición entre as nacións (vv. 10-13c), leva como esixencia o colaborar nos traballos de reconstrución do templo, onde ha de habitar Iavé.

**8**, 14-17 Pequena unidade, composta dun oráculo salvífico (v. 15) co seu contraste (v. 14), e seguida dunha exhortación profético-sacerdotal á fidelidade á alianza (cf v. 8).

**O xaxún converterase en festa de ledicia**

[18]Veume a palabra do Señor nestes termos:
[19]Así fala o Señor dos Exércitos: O xaxún do
cuarto mes, o do quinto, o do sétimo e o do
décimo converteranse para a casa de Xudá en
xúbilo, en ledicia e en asembleas de festa go-
zosa. Pero amade a fidelidade e a paz. [20]Cer-
to, aínda virán aquí as nacións e os habitantes
das grandes cidades e os habitantes dunha
cidade irán a outra para dicir: [21]"Marchemos
a implorar a presenza favorable do Señor, a
buscar o Señor dos Exércitos. Tamén vou eu".
[22]Virán pobos numerosos e nacións podero-
sas, buscar o Señor dos Exércitos en Xerusa-
lén, e implorar a súa presenza favorable. [23]Así
fala o Señor dos Exércitos: Nos días aqueles
collerán dez homes de todas as linguas das
nacións, si, collerán a un xudeu pola beira do
manto dicíndolle: "Queremos ir canda vós,
porque oímos que Deus está convosco".

# DÉUTERO-ZACARIAS

## PRIMEIRA PARTE

**Un resto dos pagáns entrará no clan de Xudá**

**9** [1]Oráculo:
A palabra do Señor
está no país de Hadrac,
e Damasco é a súa residencia,
porque o mesmo Señor
contempla a humanidade,
o mesmo ca a todas as tribos de Israel,
[2]igual Hamat e a súa fronteira,
Tiro e Sidón.
Que sabedoría tan grande!
[3]Tiro construíu unha fortaleza
e aumentou a súa prata coma a terra,
e o seu ouro coma a lama dos camiños.
[4]Velaí o Señor: apodéranse de Tiro
e castiga co mar a súa riqueza,
e con lume é consumido Tiro.
[5]Axquelón verá isto e terá medo,
e Gaza retorcerase de tanta dor,
e tamén a Ecrón se lle reseca
a súa esperanza.
O rei desaparecerá de Gaza,
e Axquelón non será habitada,
[6]reinará un bastardo en Axdod.
Deste xeito acabarei
coa soberbia da Filistea,
[7]retirarei da súa boca
o sangue que ela verteu,
e a abominación
de entre os seus dentes.
Tamén dela quedará
para o noso Deus un resto
que será coma un clan en Xudá,

**8**, 18-23 Sección que pecha esta segunda parte (**7**, 1-**8**, 23), pois fai inclusión con **7**, 2-3 e forma unha unidade interna, marcada pola fórmula redaccional "veume a palabra do Señor nestes termos". O cambio do xaxún en festa de ledicia supón o templo reconstruído (vv. 20-23) e a fidelidade do pobo á alianza e aos bens que desta derivan.
**8**, 19 *O xaxún do cuarto mes* recorda a ruptura das murallas de Xerusalén durante o asedio; *o do quinto mes*, a caída de Xerusalén (cf nota a **7**, 3); e *o do décimo mes* recorda o comezo do asedio (cf 2 Re **25**, 1-4).
**8**, 21 *Tamén vou eu*: é a resposta da cidade e do pobo xudeu.
**8**, 23 A fórmula oracular que introduce o v. serve para lle dar forza ao texto, pois o v. 23 non é máis ca unha exemplarización do contido dos vv. 20-22: a reconstrución do templo esixirá a apertura do mesmo aos pagáns, pois tamén son os pagáns persas os que costean as súas obras (cf Esd **1**, 2-4).
O termo *xudeu* tardío na Biblia, aínda que usual en Esd e Neh fainos pensar que este v. é un engadido, posterior a Zacarías.
**9**, 1 *Oráculo*: cf Introd. ao Dt-Zac **1**.
**9**, 1-8 A orde das referencias ás distintas cidades Hadrac, Damasco, Hamat, Tiro, Sidón, Axquelón, Gaza, Ecrón, Axdod lévanos a pensar nas conquistas realizadas polas tropas de Alexandre Magno despois da batalla de Isos (no ano 332). O profeta ve nestes feitos militares a presenza da palabra e sabedoría de Deus, que castiga a soberbia destas cidades, e purificaas para que entren no pobo da Salvación. Este carácter salvífico concrétase na presenza protectora e defensora de Iavé no seu templo, mediante un oráculo salvífico (v. 8) que continúa no oráculo mesiánico que segue.
**9**, 1b *Hadrac* era a capital da provincia persa de Laad, ao norte de Siria. *Damasco* era a capital de Siria, onde Darío puxera a seguro os seus tesouros e a súa familia, pero que foi conquistada polo xeneral macedonio Parmenion. Iavé, que é o Señor de todos os pobos, válese dos exércitos de Alexandre para realizar o dinamismo da súa sabia palabra.
**9**, 3-4 O Dt-Zacarías cita de pasada a conquista de Sidón, pois non ofreceu resistencia ningunha, mentres que lle dedica dous vv. á conquista de Tiro, asedio que durou desde xaneiro ata agosto do 332. Na toma da cidade mataron 8.000 homes e venderon 30.000 escravos, salvándose soamente os que se refuxiaran no templo de Melkart. A este dato faise referencia implícita no v. 8, presentando a Iavé nunha situación non inferior á de Melkart.
**9**, 6 *Bastardo* ten aquí o sentido de estranxeiro.
**9**, 7 *Os iebuseos* eran os poboadores da cidade-estado de Xerusalén antes da súa conquista por David (2 Sam **5**, 6-9), que despois formaron parte da tribo de Xudá (cf Xos **15**, 63; Xuí **1**, 21; **3**, 5). O universalismo preséntase aquí como un proceso de pacífica integración.

e Ecrón será como foron os iebuseos.
8 Eu acamparei no meu templo,
como defensor contra o que vai
e contra o que volve;
non volverá pasar por riba deles o opresor.
Si, agora vino cos meus ollos.

**A chegada do Mesías, Rei humilde e pacificador**

9 Relouca, filla de Sión,
grita de ledicia, filla de Xerusalén.
Velaí chega o teu rei,
é xusto e protexido do Señor,
humilde e montado nun burro,
si, nun burriño fillo dunha burra.
10 Eu acabarei cos carros de Efraím
e cos cabalos de Xerusalén,
acabarase o arco de guerra
e El anunciará a paz ás nacións,
reinará desde un mar a outro mar,
desde o Éufrates aos confíns da terra.

**Restablecemento de Israel na unidade e prosperidade**

11 Por ti, pola alianza
pactada contigo con sangue,
librarei os teus prisioneiros do pozo
que non ten auga.
12 Volvede á praza forte,
prisioneiros que tendes esperanza!
Si, hoxe declaro
que vos devolverei o dobre.
13 Tensarei a Xudá
coma se fose o meu arco,
cargarei a Efraím, o meu arco;
incitarei aos teus fillos, Sión,
contra os fillos de Iaván,
farei de ti a espada dun guerreiro valente.
14 Si, o Señor farase ver contra eles
e a súa frecha sairá coma un lóstrego.
O Señor Deus tocará a trompeta,
camiñará sobre os furacáns do sur.
15 O Señor dos Exércitos protexeraos,
pero as pedras da súa tirafonda
devorarán e esmagarán;
si, beberán sangue coma viño,
e encheranse coma a copa dos sacrificios,
coma os cornos do altar.
16 O día aquel o Señor,
o seu Deus, salvaraos,
porque eles son o rabaño do seu pobo,
porque as pedras do seu diadema
relocen sobre a terra.
17 Que feliz será o seu pobo!
Que fermoso será!
O trigo fará medrar os mozos,
o viño novo fará medrar as mozas.

**9**, 8 *Templo* (lit. "casa") non se refire ao pobo de Xudá, senón á presenza de Deus no templo de Xerusalén (en contraste co templo de Melkart), que impide a entrada dos exércitos macedonios na cidade.
**9**, 9-10 Oráculo mesiánico no que se invita a Sión á ledicia, porque está a chegar o seu rei-mesías, que será o instrumento da realeza divina. A introdución é propia dos Salmos á realeza de Iavé (cf Sal **47**, 2; **96**, 4. 6; Sof **3**, 14).
**9**, 9 O que di Sof **3**, 12 do pobo futuro, aplícallo Zac ao Mesías. Afondando na actitude helenística de acoller as culturas dos outros pobos, o profeta presenta ao Mesías montando nun burriño, coma os antigos príncipes (Xén **49**, 11; Xuí **5**, 10; **10**, 14) e anunciando a paz (fartura) ás nacións, sen exércitos nin carros de guerra. Esta actitude levaraa Xesús a pleno cumprimento (cf Mt **21**, 4-5).
**9**, 10 *Eu acabarei*. Os LXX interpretan o texto en terceira persoa, referido ao Mesías, eliminando así o carácter oracular e a función instrumental do Mesías no reino de Deus. As dimensións do reino mesiánico son unha volta ao período glorioso de Salomón (Xén **15**, 18; 1 Re **5**, 1. 4; **8**, 65; Sal **80**, 12): Efraím, en paralelo con Xudá; do mar Morto, ao Mediterráneo; e do Éufrates (ao norte) ata o extremo sur.
**9**, 11-**11**, 17; **13**, 7-9 Esta sección pertence ao período posterior á morte de Alexandre e, en concreto, ao da dominación láxida sobre Xudá e Israel. As esperanzas de paz do imperio de Alexandre rómpense polas loitas dos xenerais que o sucederon, de xeito que as esperanzas de restauración e paz mesiánicas de **9**, 1-10 véñense abaixo. A incursión de Ptolomeo I Soter de Exipto contra Xerusalén e a deportación de xudeus a Alexandría (o ano 312), debeu ser cruel, a pesar da non resistencia. O profeta reacciona en dous sentidos: esperanza na intervención salvífica de Deus nos tempos mesiánicos (**9**, 11-**10**, 1; **10**, 3b-**11**, 3), e denuncia das falsas confianzas postas en adiviñacións e non en Iavé, que provocaron a ira de Deus (**10**, 3-3a). Conclúe a obriña deste profeta anónimo cunha alegoría que resume a triste historia do período, dándolle sentido de purificación e de esperanza.
**9**, 11-17 Oráculo salvífico no que Deus promete a liberación dos deportados, coa colaboración de todas as tribos, que serán instrumentos da acción de Deus (vv. 11-15). Ao remate, comeza un oráculo escatolóxico, no que se canta a felicidade e a bendición que terá o pobo futuro (**9**, 16-17).
**9**, 11 *Alianza... con sangue*: cf Éx **24**, 1ss.
**9**, 12 *Devolverei o dobre*. Deus devolveralles en felicidade e bendición o dobre do que sufriron.
**9**, 13 A presentación de Xudá e Efraím en paralelo, mira aos tempos futuros, cando se supere o cisma consumado coa construción dun templo no Garizim. Os fillos de Iaván son aquí o reino helenista dos láxidas de Alexandría e quizais tamén os seléucidas de Siria.
**9**, 14 *Sur* (lit. "Temán"). Nas teofanías antigas Deus vén do sur, onde está o Sinaí (cf Dt **33**, 2; Xuí **5**, 4; Sal **18**, 8-15; Hab **3**, 3-4). A vinda de Iavé do norte é máis recente, e ten relación coa mitoloxía fenicia, que pon a morada dos deuses no norte (cf Is **14**, 13; Ez **1**, 4; **28**, 14).
**9**, 15 *A copa* ou vasilla na que se recollía *o sangue dos sacrificios*, e *os cornos do altar* onde se vertía o sangue, significan o lixarse co sangue dos inimigos caídos na batalla escatolóxica, pois a guerra santa, coma os sacrificios, tiña un carácter sacral.
**9**, 16 Deus intervén porque o pobo lle pertence, e aquelas persoas que son o seu diadema están sendo desprezadas por xente estraña.

**10** [1]Pedídelle ao Señor a chuvia
no tempo da primavera.
O Señor produce os tronos
e a chuvia abondosa,
daralle a cada un a herba no campo.

**A infidelidade ao Señor é a causa da súa ira e das deportacións**

[2] Os *terafim* anuncian falsidade
e os adiviños ven mentiras,
anuncian soños ilusos,
consolan con falsidades.
Velaí por que o pobo
anda descamiñado coma un rabaño,
está aflixido por non ter pastor.

**A restauración de Xudá e de Efraím**

[3] A miña ira incéndiase contra os pastores,
e pediralles contas aos carneiros-guías.
Sí, o Señor dos Exércitos
visitará o seu rabaño, a casa de Xudá,
e converterao no seu cabalo
esplendoroso de guerra.
[4]De Xudá sairá o teito das tendas,
del as caravillas,
del os arcos de guerra,
del sairán todos os xefes.
Xuntos [5]estarán os heroes
que na guerra esmagan
coma a lama dos camiños.
Si, loitarán, porque o Señor
está con eles,
pero os que montan a cabalo
quedarán avergonzados.
[6]Eu fortalecerei a casa de Xudá
e salvarei a casa de Xosé.
Si, fareinos volver,
porque teño compaixón deles
e serán coma se eu nunca os rexeitase,
pois eu son o Señor, o seu Deus,
e heinos escoitar.
[7]Os de Efraím serán coma heroes,
e o seu corazón alegrarase coma do viño,
e os fillos verano e alegraranse,
e o seu corazón brincará de ledicia
polo Señor.
[8]Chamareinos co asubío e xuntareinos:
Si, rescatareinos e multiplicaranse
coma antes.
[9]Sementareinos por entre as nacións,
e desde lonxe lembraranse de min:
criarán aí os seus fillos,
pero estes volverán.
[10]Fareinos volver do país de Exipto,
e recadareinos desde Asiria,
traereinos ao país de Galaad e ao Líbano,
tantos, que non haberá sitio para eles.
[11]O Señor cruzará a marusía
e petará nas ondas
e secarán todas as profundidades do Nilo.
Humillará a soberbia de Asiria
e retirará o cetro de Exipto.
[12]Entón, fortalecereinos de parte do Señor,
e camiñarán coa forza do seu Nome
–é o Señor quen fala.

**Canto da vitoria en forma de sátira contra os inimigos**

**11** [1]Abre, Líbano, as túas portas,
que o lume devora os teus cedros.
[2] Fai lamentación, ti, ciprés,
que o cedro xa caeu:
as árbores espléndidas foron arrasadas.
Facede lamentacións,

**10**, 2 A adiviñación e os *terafim*, imaxes de deuses da familia cos que se adiviñaba (cf Xén **31**, 19; Xuí **18**, 14-20; 1 Sam **19**, 13-16), estaban severamente prohibidos desde o momento da deportación babilónica, e considerados prácticas idolátricas que apartaban da confianza exclusiva en Deus.
**10**, 3b-12 Os vv. 3b-7 repiten o tema da guerra santa escatolóxica, na que o pobo de Xudá e de Israel (Xosé ou Efraím) serán instrumento de guerra para o poder do Señor. Os vv. 8-13 constitúen un oráculo salvífico en clave teolóxica dun novo éxodo, dunha volta dos deportados a Exipto e Siria (cf nota ao v. 10), pois Palestina cambiou de dono cinco veces desde o ano 323 ao 301, coas conseguintes deportacións.
**10**, 4 *O teito das tendas*: lit. "o teito en ángulo das tendas". Refírese aos xefes do pobo (segundo Xuí **20**, 2; 1 Sam **14**, 38; Is **19**, 3), o mesmo que as caravillas da tenda de Xacob (Is **33**, 20; **54**, 2) simbolizan aos xefes que a sosteñen. Este sentido confírmase polo segundo verso.
**10**, 6 *A casa* significa aquí tribo. Xudá e Xosé (Efraím e Menaxés) abranguen a totalidade do pobo da alianza, sen excluír os samaritanos.
**10**, 8 O *asubío* divino é un antropomorfismo para indicar que Deus xuntará os pobres (Is **5**, 26; **7**, 18). Tomando como base un costume pastoril, emprégase aquí para significar a chamada aos que están na diáspora.
**10**, 10 *Asiria* está aquí por Siria. Este texto supón deportacións a Siria por parte dos seléucidas.
**10**, 11 O mesmo ca no II Is, Deus irá diante dos deportados, repetindo os prodixios do Éxodo.
**10**, 12 O *Nome* do Señor é a súa presenza dinámica, que se fai presente no dinamismo da palabra profética.
**11**, 1-3 Estes vv. son o remate do oráculo salvífico de **10**, 3b-12; pero, por ser un xénero literario diferente (lamentación-sátira contra os inimigos), poñémolo a parte. Este texto é unha actualización de Xer **25**, 34-37, cambiando a imaxe do pastor pola das árbores altas, símbolo do poder dos inimigos (cf Is **10**, 33-34).
**11**, 1 *O Líbano* non é unha nación, senón uns montes famosos polas súas árbores: cedros, cipreses...
*O lume* pode significar aquí as lapas do castigo divino (cf Xer **25**, 32), ou a ira punitiva de Deus (cf Is **9**, 17. 18; **10**, 17).
**11**, 2 *O ciprés* debe significar un poder máis pequeno. A invitación a facer lamentación é característica dos oráculos contra as nacións (cf Is **13**, 6; **14**, 31; **23**, 1. 6. 14).

aciñeiras de Baxán,
que o bosque inaccesible se vén abaixo.
[3]Berros de lamentación dos pastores!
Porque a súa gloria quedou arrasada.
Berros de ruxidos
dos cachorros de león!
Porque o esplendor do Xordán
quedou arrasado.

**Ledicia dos pastores**

[4]Así fala o Señor, o meu Deus: –Pastorea o rabaño destinado á matanza. [5]Os seus compradores vano matar, e non se sentirán culpables. Del dirán os seus compradores: Bendito sexa o Señor, que me fago rico! En cambio os seus pastores non senten compaixón por el. [6]Certo, eu non volverei ter piedade dos habitantes do país –é o Señor quen fala– e velaí entrego os homes na man de cadanseu pastor, na man do seu rei; arrasarei o país e non o librarei das súas mans.

[7]Entón eu pastoreei o rabaño destinado á matanza, en proveito dos seus traficantes. Collín dous caxatos, e a un chameille: "Bondade"; e ao outro chameille "Unión", e pastoreei o rabaño. [8]Logo fixen desaparecer a tres pastores nun só mes. Perdín a paciencia con eles, e eles tamén se anoxaron comigo. [9]Entón dixen: –Xa non vos pastorearei: as ovellas que teñan que morrer, que morran; as que teñan que desaparecer, que desaparezan; e as que queden, que cada unha devore a carne da súa compañeira.

[10]Logo collín o caxato, a "Bondade", e partino, para romper a alianza que o Señor fixera con todos os pobos, [11]e quedou roto no día aquel. Os tratantes do rabaño, que me observaban, recoñeceron que isto era palabra do Señor. [12]Logo díxenlles: –Se vos parece ben, dádeme a miña soldada; e se non, deixádea.

Pero eles pesaron a miña soldada: trinta moedas de prata.

[13]Logo o Señor díxome: –Botádella ao fundidor de metais; é o espléndido prezo no que fuches taxado por eles.

Entón collín as trinta moedas de prata e boteillas no templo do Señor ao fundidor. [14]Despois partín o segundo caxato, a "Unión", para romper a irmandade entre Xudá e Israel.

[15]E díxome o Señor: –Procura as ferramentas dun pastor que sexa desasisado. [16]Pois, velaí, vou suscitar no país un pastor: das que van á ruína non se preocupará; pola descamiñada non buscará; á ferida, non a curará; da que aínda estea de pé non coidará, senón que comerá a carne da ovella gorda e arrincaralle as súas unllas.

**Crise purificadora na que é ferido o pastor, e que remata na nova alianza**

[17]Ai do pastor de vento,
que abandona o rabaño!
Unha espada está contra o seu brazo
e contra o seu ollo dereito.
O seu brazo estase secando,
o seu ollo dereito estase apagando.
Espada, esperta contra o meu pastor,
contra o home
do meu acompañamento.

**11**, 4-17 Esta unidade está composta por unha alegoría (**11**, 4-16), que conclúe cun *Ai* contra o pastor aparvado (v. 17). As claves de comprensión da alegoría son estas: o pastor é o profeta; *os seus pastores* pastores do pobo, son os dirixentes político-relixiosos (o sumo sacerdote e todo o sanedrín do N. T.); *os compradores* son as potencias estranxeiras (os láxidas e os seléucidas); *os caxatos* son os instrumentos do pastoreo profético; *as mensaxes dos seus oráculos*, harmonía e paz entre os pobos. *Bondade*: harmonía internacional. *Unión*: solidariedade. Unión entre Xudá e as tribos do norte (Samaria). O prezo do pastoreo non está fixado de antemán, senón a vontade que expresa a estima do pobo polo profeta. É un prezo ridículo, que por orde de Deus se fai desaparecer, fundíndoo de novo. O pastor desasisado que non coida das ovellas, senón que as explota e arruína, é sinal dunha época de crise, que sen dúbida é a do autor; deste xeito, o *Ai* ou maldición do v. 17 resulta actual para o profeta. O texto está composto da orde divina de pastoreo do rabaño, destinado aos traficantes, aos láxidas e seléucidas (vv. 4-5), que conclúe cun oráculo de castigo (v. 6). Segue a execución da orde de pastoreo profético, simbolizado en dous caxatos, e a manifestación do fracaso do profeta e do desprezo do pobo (vv. 7-8). Os vv. 9-13 constitúen a expresión do fracaso da liña profética de harmonía internacional, que o profeta recolle dos oráculos salvíficos antigos, que sintonizan coa ideoloxía helenística de Alexandre, pero á morte deste esquécense, como deixa ver Xosefo (Ant. Xud. LXII, I, 1). Esta liña de pensamento está de acordo co ideal mesiánico de Zac **9**, 9-10, pero rómpese coas ambicións dos diádocos, e a alegoría significa este cambio, rompendo o profeta o caxato Bondade.

O v. 14 constata a ruptura do caxato Unión, que significa a ruptura definitiva entre samaritanos e xudeus.

Os vv. 15-16 expresan un cambio na marcha da historia, consistente na explotación das ovellas do rabaño, cousa que aconteceu durante o reinado de Ptolomeo I Soter. Aínda que no v. 15 a orde divina é un "procura para ti", as ferramentas de pastor non son para o profeta, senón para outro pastor, que Deus suscitará, comprendéndose así a maldición do v. 17.

**11**, 8a Glosa relativa á morte de tres sumos sacerdotes en pouco tempo, pois o suxeito na glosa é Deus, mentres que no contexto fala o profeta do seu fracaso.

**11**, 10 O autor recoñece a orixe divina dos ideais pacíficos de Alexandre.

**11**, 17 *Pastor de vento*. É o mesmo ca pastor de nada, da vaidade... *O ollo dereito* significa aquí a cobiza dese pastor (Ptolomeo).

13,7É o Señor dos Exércitos quen fala:
Fire ao pastor
e que se esparexan as ovellas!
Si, eu revolverei a miña man
contra as súas crías.
13,8Sucederá en todo o país
–é o Señor quen fala–
que de tres partes del,
dúas desaparecerán
e a terceira quedará.
13,9Eu farei pasar polo lume
esta terceira parte,
purificareinos tal como se refina a prata,
limpareinos tal como se purifica o ouro.
El invocará o meu Nome
e eu escoitareino.
Direi: "El é o meu pobo".
E el dirá: "O Señor é o meu Deus".

# DÉUTERO-ZACARIAS

## SEGUNDA PARTE

### Salvación e purificación de Xerusalén e Xudá coa morte do "Traspasado"

**12** 1Oráculo: Palabra do Señor acerca de Israel. Oráculo do Señor que estende os ceos e que cimenta a terra, que forma o espírito dos homes no seu interior:

### I. Castigo universal pola opresión contra Xerusalén

2Velaí: Eu converto a Xerusalén en cunca que emborracha a todos os pobos do arredor. Tamén lle tocará a Xudá, cando sexa o asedio contra Xerusalén.

3Sucederá no día aquel que converterei a Xerusalén en pedra de xogo: todos os pobos andarán a levantala. Todo o que a queira levantar, ferirase, e uniranse a ela todas as nacións da terra.

4No día aquel –é o Señor quen fala– atordarei a golpes a todos os cabalos; e os seus cabaleiros, coa loucura. Cos meus ollos inspeccionarei a casa de Xudá, pero ferirei a todos os cabalos das nacións coa cegueira. 5Entón os xefes de Xudá pensarán nos seus corazóns: "A forza dos habitantes de Xerusalén está no Señor dos Exércitos, o seu Deus".

**13**, 7-9 Esta sección, en verso, está fóra de sitio entre seccións de prosa; e por outra banda, a alegoría do pastor na boca dun profeta de esperanzas non pode acabar cunha maldición (**11**, 17). Xa deixamos dito que "o meu pastor" na alegoría é o profeta, a quen lle acaen ben as expresións do v. 17. A espada que fere ao profeta concorda co propio fracaso, que o profeta expresa en **11**, 8b, e que alude á súa morte violenta. A crise persoal provocará por parte de Deus unha crise comunitaria, que servirá de purificación dun terzo, co que se restablecerá a alianza (v. 9c).

**12**, 1-**13**, 6 Esta unidade está precedida por unha fórmula redaccional de introdución oracular, na que se anticipa o carácter escatolóxico dos oráculos, ao insistir no feito creacional universal. Este carácter escatolóxico faise presente coas sucesivas expresións "no día aquel" (vv. 3. 4. 6. 8. 9. 11; **13**, 1. 2. 4), aínda que esta fórmula non ten un valor estrutural especial para o conxunto da unidade literaria. Os vv. 2-6 forman unha serie de catro oráculos de castigo por mor da violencia causada contra Xerusalén. Os vv. 7 e 8 constitúen dous oráculos salvíficos sobre Xudá e o que rexe en Xerusalén. Os vv. 9-14 son un anuncio de purificación dos pobos (destruíndoos) e de Xerusalén (infundíndolle un espírito de lamentación), para acabar coa purificación da casa de David e de Xerusalén e de todo o país de Xudá (**13**, 1-6). Neste texto atópase unha contraposición sorprendente entre Xudá e Xerusalén (vv. 2. 5. 6 .7), chegando no v. 5 a diciren os xefes de Xudá que Iavé é o seu Deus (o Deus de Xerusalén). Quizais tal contraposición teña debaixo de si unha idolatría máis ou menos estendida ás diferentes cidades de Xudá, como o deixa entender **13**, 2-6; cousa por outra banda nada rara, se atendemos ao renacer destas formas cúlticas con motivo do helenismo.

Estas formas relixiosas provocaron o desprezo de Xerusalén polas promesas divinas sobre o reino mesiánico e a elección do templo. Estas tensións resólveas o profeta coa purificación (v. 6) e coa salvación (v. 7; cf **13**, 2-6) de Xudá, coa protección do rei de Xerusalén (v. 8), e mais coa súa lamentación purificadora, simbolizada na fonte, que purifica a casa de David e os habitantes de Xerusalén (**13**, 1). É esta unha lamentación fúnebre "polo que traspasaron"; pero esta lamentación leva a unha conversión interior purificadora, e o traspasado non pode ser outro ca o profeta de **11**, 4ss e **13**, 7-9, pois é "o meu Poderoso" o que desencadea o poder da palabra de Deus. Este feito debeu contribuír tamén á tradición do N. T. (cf Mt **5**, 12; **13**, 17; **23**, 34 e paral.) e das lendas xudías do martirio dos profetas.

**12**, 1 Israel é aquí nome teolóxico do pobo de Deus, equivalente a Xudá e Xerusalén (v. 2).

**12**, 2 *Cunca que emborracha*: é a cunca que contén a ira de Deus que se dá a beber en castigo aos inimigos de Xerusalén, como a apócema embriagante (cf Is **51**, 22; Xer **25**, 17; Hab **2**, 15). O asedio contra Xerusalén é unha consideración teolóxica do castigo purificador previo á salvación escatolóxica: por estar Xerusalén protexida por Deus, converterase de asediada en vitoriosa, e en instrumento de castigo, aínda para a mesma Xudá.

**12**, 3 San Xerome infórmanos destes xogos entre os xudeus do seu tempo.

**12**, 4 *Os cabalos e cabaleiros* son símbolos do exército inimigo asediante, que será espantando e cegado.

6 No día aquel converterei os xefes de
Xudá nun braseiro con paus acendidos, e nun
fachuco de restrollo aceso: devorarán cara á
dereita e cara á esquerda a todas as nacións
de arredor. Xerusalén volverá reinar no seu
lugar, en Xerusalén.

### II. Salvación de Xudá e Xerusalén

7 O Señor salvará primeiro as tendas de
Xudá, para que non se levante sobre Xudá o
orgullo da casa de David e o orgullo dos que
rexen en Xerusalén. 8 No día aquel o Señor
protexerá ao que rexe en Xerusalén. Aquel
día o que máis cambalee de entre eles será
coma David, e a casa de David será como
divina, igual ca o Anxo do Señor á fronte
deles.

### III. Purificación de Xerusalén coa lamentación polo "Traspasado"

9 No día aquel tratarei de destruír a todos os
pobos que entran en Xerusalén. 10 Estenderei
sobre a casa de David e sobre os habitantes
de Xerusalén un espírito de graza e de súplica: mirarán atentamente ao meu Poderoso, a
quen traspasaron. Farán lamentación por el,
como a lamentación diante do único Deus, e
chorarán amargamente por el, coma o amargarse por un primoxénito.
11 No día aquel será grande a lamentación
en Xerusalén coma a lamentación de Hadad-Rimón no val de Meguido.
12 O país lamentarase, familia por familia,
separadamente:
a familia da casa de David,
e as súas mulleres;
a familia da casa de Natán,
e as súas mulleres;
13 a familia da casa de Leví
e as súas mulleres;
a familia de Ximí
e as súas mulleres.
14 Todas as restantes familias,
familia por familia,
e as súas mulleres separadamente.

**12**, 6 A imaxe de Xudá, convertida nun braseiro e no incendio do restrollo, quere expresar que é obxecto da ira punitiva e purificadora de Iavé. Pero Xudá volverá reinar. E será en Xerusalén, como se intúe do contexto escatolóxico.
**12**, 8 *Como divina*: lit. "como Elohim", que aquí significa un ser divino, pero non "Iavé". Sobre o Anxo do Señor, cf 2 Sam **14**, 7.
**12**, 11 *Lamentación de Hadad-Rimón*: choro do Baal fenicio da fertilidade, do que se celebraba a morte e resurrección, de forma especial na terra chá de Iezrael, onde estaba situado Meguido.
**12**, 12 Esta lamentación fúnebre aseméllase á lamentación colectiva; e, deste xeito, a morte do traspasado convértese en factor salvífico.

**13** 1 No día aquel haberá unha fonte de
auga corrente para a casa de David e
para os habitantes de Xerusalén, por culpa do
pecado e da inmundicia.

### IV. Purificación do país (Xudá)

2 No día aquel –é o Señor quen fala– ex-
tirparei do país os nomes dos ídolos, e non
volverán ser lembrados. Tamén farei desaparecer do país os profetas e o espírito de impureza. 3 E sucederá que, se alguén volve a profetizar, o pai e a nai que o xeraron, diranlle:
"Non podes seguir vivindo, xa que falaches
mentiras no nome do Señor". E cando el profetice, o pai e a nai que o xeraron matarano a
espada. 4 Sucederá no día aquel que cada un
dos profetas se avergonzará da súa visión,
cando profetice en falso, e non vestirán manto de pelo para mentir. 5 Dirá cada un: "Eu
non son profeta, son un que traballa a terra,
pois a terra é a miña posesión desde a miña
mocidade". 6 Pero diranlle: "Que son esas feridas entre as túas mans?". E responderá el:
"Si, ferinme no templo dos meus amantes".

### V. O pastor ferido e o rabaño disperso

7 Érguete, espada, contra o meu pastor,
contra o home que está ao meu carón
–oráculo do Señor dos Exércitos–.
Fire ao pastor
e que se escorrenten as ovellas.
Daquela volverei a miña man
contra as máis febles.
8 E acontecerá en todo o país
–oráculo do Señor–,
que dous terzos serán exterminados
e de certo morrerán,
mais un terzo quedará nel.
9 A ese terzo fareino pasar polo lume
e acrisolareino como se acrisola a prata
e probareino como se proba o ouro.
El invocará o meu nome
e eu escoitareino.
Direille: Ti es o meu pobo.
E el dirame: Iavé, meu Deus.

**12**, 14 Estas separacións quizais fosen nese momento histórico leis rituais da lamentación pública.
**13**, 1 Esta fonte de auga corrente, consecuencia da morte violenta do profeta, é símbolo do valor salvífico e purificador da súa morte e da conseguinte liturxia penitencial.
**13**, 2 Fálase dos falsos profetas dos templos de Baal, que reviviron coa chegada do helenismo. Neste momento histórico teñen auxe os cultos a Venus, divindade equivalente a Axerah ou a Ixtar.
**13**, 4 *O manto de pelo* era o vestido característico dos profetas (cf 2 Re **1**, 8; Mt **3**, 4).
**13**, 6 *O templo* (lit. "a casa") dos meus amantes refírese ao templo dos deuses falsos.

### Combate escatolóxico e instauración do reinado universal do Señor

### I. Combate escatolóxico contra Xerusalén

**14** [1]Velaí chegará o día do Señor, e o botín
que hai no medio de ti quedará repartido. [2]Xuntarei a todos os pobos para a guerra contra Xerusalén, a cidade será collida, as casas serán saqueadas e as mulleres violadas. Media cidade sairá á deportación, pero o resto do pobo non será quitado dela; [3]e sairá o Señor e pelexará contra aqueles pobos como cando pelexaba no día do combate.

### II. Iavé transforma os perigos idolátricos en refuxio do iavismo

[4]No día aquel os seus pés afincaranse no monte das Oliveiras, que está cara a Xerusalén polo nacente, e o monte das Oliveiras partirase en dúas metades. Na dirección do nacente e na do poñente haberá un val moi grande, pois unha metade do monte retirarase cara ao norte, e a outra metade cara ao sur. [5]Entón vós fuxiredes para o val das miñas montañas, xa que o val das montañas chega ata Asal. Si, fuxiredes como fuxistes ante o tremor de terra do tempo de Ozías, rei de Xudá. Si, ven, Señor, meu Deus, e todos os consagrados contigo!

[6]Sucederá no día aquel que non haberá Sol e as cousas tentadoras perderán o seu encanto. [7]Será un día único, querido polo Señor, sen día e sen noite, e na tardiña haberá luz.

### III. Transformación de Xerusalén co reinado do Señor

[8]Sucederá no día aquel que sairán de Xerusalén augas vivas, a metade delas para o mar Morto, e a outra metade para o Mediterráneo. Isto sucederá no verán e no inverno.

[9]O Señor será entón Rei sobre toda a terra. No día aquel o Señor será único e o seu nome será único.

[10]Todo o país se volverá unha chaira, desde Gueba ata Rimón, ao sur de Xerusalén, que estará no alto, e toda ela habitada: desde a porta de Benxamín ata o sitio da antiga porta dos Ángulos; e desde a torre de Hananel ata as prensas do rei [11]habitarase nela. Non volverá haber destrución sagrada: Xerusalén será habitada con seguridade.

### IV. Castigo das nacións

[12]Este será o castigo con que o Señor castigará a todas as nacións que combateron contra Xerusalén: facerlles podrecer a carne, que teñan que aguantar sobre os seus pés, que os ollos lles podrezan nas covas, que a súa lingua lles podreza na boca.

[13]Sucederá no día aquel que o pánico que o Señor provoque entre eles será grande: cada un collerá as mans do seu próximo e levantará contra el a súa man. [14]E tamén Xudá pelexará en Xerusalén, e amorearanse as riquezas de todos os pobos do arredor: ouro, prata, e vestidos en grande cantidade. [15]E coma este andazo, así será a peste dos cabalos, das mulas, dos camelos e dos burros, e de todos os animais dos seus campos.

**14**, 1-21 Esta composición, claramente escatolóxica, presentase segundo este esquema: a) vv. 1-3: combate escatolóxico dos pobos contra Xerusalén e contra o Señor; b) vv. 4-7: intervención divina que converte o monte das Oliveiras, dedicado aos cultos idolátricos, en val de refuxio para Xerusalén, sen culto idolátrico o sol e a fermosura das cousas, e sendo Deus a luz perenne; c) vv. 8-11: a realeza universal de Iavé converterá Xerusalén en fonte de vida, que chegará ata os mares, enriquecéndose así Xudá a costa das rexións; d) vv. 12-15: transformación cúltica universal, expresada na participación de todos os pobos na festa das Cabanas; e) vv. 16-21: isto proporcionaralles a todos os pobos a bendición divina.

**14**, 2 *Media cidade*: unha porcentaxe distinta dos dous terzos (cf **13**, 8). Isto, o mesmo ca a escatoloxía sen Mesías (sendo Deus mesmo o Rei: cf v. 9), basea a hipótese recollida na obra xudía precristiá, Séder ‘Olam, que considera este c. como unha obra distinta de Zacarías.

**14**, 4 *No monte das Oliveiras*. O texto hebreo masorético, seguindo textos antigos alusivos a 2 Re **23**, 13 que falan do culto idolátrico practicado no devandito lugar, interpretou monte das Oliveiras como “monte do Exterminador”. Sobre o Exterminador, cf Éx **12**, 23; 2 Sam **24**, 16; Pr **18**, 9; Is **54**, 6. Sobre o monte das Oliveiras, cf 1 Re **11**, 7; 2 Sam **15**, 30; Neh **8**, 15; Ez **11**, 23. En sentido teofánico non aparece en ningún lugar, pois en Ez é o lugar a onde se dirixe a gloria de Iavé que abandonara o templo, para destruír o monte idolátrico e convertelo en refuxio.

**14**, 6 *Sol*: o deus exipcio Rah, obxecto do culto idolátrico.

**14**, 7 Esta *luz* é a gloria do Señor (cf Ap **21**, 23).

**14**, 8 As *augas vivas* ou de corrente constante, que saen de Xerusalén, son sinal da fertilidade que a realeza de Iavé provoca, e que reparte desde o Oriente (mar Morto) ata o Occidente (mar Mediterráneo).

**14**, 9 O paralelismo entre “o Señor” e “o seu Nome”, quere mostrar o dinamismo único e especialísimo de Iavé no seu reinado escatolóxico.

**14**, 10 *Gueba* está situada 10 km ao N de Xerusalén, na fronteira de Xudá con Benxamín. *Rimón* está na fronteira S de Xudá, na comarca de Beerxeba. A extensión da cidade corresponde ás súas dimensións no tempo de Nehemías.

**14**, 13-14 Estes dous vv. rompen a descrición da peste (dos vv. 12 e 15), polo que deben ser un engadido posterior que recolle os temas da oposición violenta entre os que participarán no combate escatolóxico (tomado de Ez **38**, 21), o da unificación de Xudá e Xerusalén (de Zac **12**, 1-**13**, 6), e o da participación de Xerusalén e Xudá no botín.

### V. Transformación cúltica universal

[16]Sucederá que todo aquel que quede de cada un dos pobos que viñeron contra Xerusalén, subirá de ano en ano a prostrarse ante o Rei, o Señor dos Exércitos, e a celebrar a festa das Cabanas. [17]E resultará que as familias da terra que non suban a Xerusalén para prostrarse ante o Rei, o Señor dos exércitos, non terán chuvia. [18]E se algunha familia de Exipto non sobe ou non vén, virá tamén contra ela a peste coa que o Señor fere os pobos que non soben a celebrar a festa das Cabanas. [19]Este será o castigo polo pecado de Exipto e polo pecado dos pobos que non soben a celebrar a festa das Cabanas.

[20]No día ese, nos chocallos dos cabalos estará esta inscrición: "Consagrado ao Señor"; e os potes do templo do Señor estarán coma a copa da aspersión, diante do altar. [21]E todos os potes que haxa en Xerusalén e en Xudá, serán sacrificados ao Señor dos Exércitos; todos os que queiran ofrecer un sacrificio, virán e colleranos para cocer neles.

Xa non volverá haber traficantes no templo do Señor no día aquel.

**14**, 16ss Estes vv. amplían o tema da realeza universal de Iavé, coa participación de todos os pobos na festa das Cabanas, como acción de grazas, ao mesmo tempo que se aseguran a bendición divina.

**14**, 20 *Os cabalos* e *os potes*, elementos profanos, intégranse no ámbito sacro, na Xerusalén escatolóxica.

# INTRODUCIÓN A MALAQUÍAS

## 1. Época á que se refire o libro

*No libro de Malaquías non se fai ningunha referencia explícita ao tempo no que viviu o profeta. Para conseguir algún dato, precisamos facer unha análise interna da obra.*

*Tampouco se fai alusión ningunha aos reis de Xudá nin aos de Israel; en cambio, alúdese a "pehah", gobernador ou alto comisario (**1**, 8), cousa que nos move a situar a Malaquías na época persa. Por outra parte, o templo xa está reconstruído, e celébrase nel un culto regular, aínda que con defectos e escaseza de vítimas de sacrificios (cf **1**, 8. 10; **3**, 1. 10); por outra banda, hai no templo uns sacerdotes levitas organizados (**2**, 3-9). Por iso temos que pensar nunha data posterior á dedicación do templo postexílico (no ano 515). Confírmanos na data proposta a referencia á caída de Edom, provocada polas tribos árabes, caída da que Edom espera levantarse (**1**, 3s). Estas incursións árabes e o seu definitivo asentamento no territorio de Edom foi un proceso que durou moitos anos, e da súa cronoloxía estamos pouco informados. Sabemos que comeza durante o exilio babilónico (598-538), e que os macedonios de Alexandre Magno atopan o reino nabateo asentado no territorio de Edom no ano 333.*

*A obra de Malaquías reflicte unha comunidade cos mesmos problemas relixiosos, morais e sociais ca os libros de Esdras e Nehemías: hai unha clase social que explota á dos homes pobres e piadosos (**3**, 5; cf Neh **5**, 1-13), que á súa volta se senten desilusionados ao non ver cumpridas as promesas de prosperidade anunciadas polo II e III Is, e por isto critican a Deus e desanímanse, despreocupándose dos deberes cúlticos, coma os décimos e as primicias (**2**, 17; **3**, 7; cf Neh **10**, 32ss). Esta falta de inquedanza relixiosa leva ao pobo a problemas morais, aos matrimonios con pagáns, e ao divorcio (**2**, 10ss; cf Esd **9**; Neh **10**, 28ss; **13**, 23ss). Se temos en conta que a actividade de Esdras comezou, cando máis pronto no ano 458, e a de Nehemías no 445/443, temos de concluír que o período de actividade de Malaquías hai que situalo entre o 515 e o 458, sendo a data máis probable entre os anos 480 e 460.*

*Confirma esta hipótese unha nova observación: que Malaquías non tivo contactos literarios nin teolóxicos co código ou fonte sacerdotal (Fonte P: cf Introd. ao Pentateuco), mentres que tivo claros contactos co Dt, a lei en vigor ata a reforma de Esdras, que a substituíu pola Fonte Sacerdotal ou documento P.*

## 2. O autor

*Para algúns autores, o nome hebreo de Malaquías (Malakí), é unha retroposición do editor da obra, convertendo "ao meu mensaxeiro" (malakí: **3**, 1) nun nome de persoa descoñecido no resto do A. T. Pero é curioso de abondo que o nome dun autor que se enfronta tan duramente co pobo e clero de Xerusalén, se esquecese tan de présa. Figura na tradución dos LXX (antes do ano 250) como un título; título que tanto o targum aos profetas como San Xerome entenderon como un xeito de se referir a Esdras. Esta forma de nome moi ben puido ser unha abreviación dun nome teofórico que significa "Iavé é o meu Anxo", procedemento por outra parte bastante común (cf 1 Sam **25**, 44; 2 Sam **3**, 15; 2 Re **18**, 2; 2 Cro **29**, 1).*

*Non obstante todo isto, podemos chegar ao personaxe pola análise da súa obra: é un profeta de talante clásico, que anuncia o castigo de Deus para o día da súa manifestación (cf Am **3**, 12-21), ao mesmo tempo que chama á conversión (**3**, 7), seguindo a liña dos profetas anteriores (**3**, 10-12).*

*Unha característica da súa formación atópase nas denuncias proféticas que lles fai aos sacerdotes e ao pobo, pois tipifica a acusación cun diálogo que recorda as discusións de escola.*

*Por este motivo non se deixa levar do ritualismo, senón que as súas denuncias contra o culto arrincan da infidelidade á relixión mesma (= falta de "temor de Iavé") e á alianza, e non a unhas leis cúltico-rituais.*

*A súa escatoloxía, pola reflexión sobre os antigos libros relixiosos, evoluciona cara á apocalíptica, pois os xustos asócianse a Deus na execución do castigo contra os soberbios e malvados (cf **3**, 21), aínda que, por mor da tranquilidade política internacional e por simpatía pola relixión persa (cf notas a **1**, 11), non recolle o tema do triunfo dos xustos sobre as nacións pagás.*

**3. Estrutura literaria**

3.1. *O amor de Deus e as súas consecuencias: xudeus e edomitas:* ***1****, 2-5.*

3.2. *O Señor quéixase do culto dos sacerdotes:* ***1****, 6-****2****, 9.*

3.3. *Contra os matrimonios mixtos e mais o divorcio:* ***2****, 10-16.*

3.4. *Retribución e xuízo divino:* ***2****, 17-****3****, 5.*

3.5. *Décimos, primicias e colleitas pobres:* ***3****, 6-12.*

3.6. *Deus da a cadaquén o que lle corresponde:* ***3****, 13-21.*

3.7. *Suplemento: unha ollada aos tempos novos:* ***3****, 22-24.*

# MALAQUÍAS

**1** [1]Oráculo. Palabra do Señor dirixida a Israel, por medio de Malaquías.

### Elección gratuíta de Israel e reprobación de Edom

[2] Quérovos ben, di o Señor.
Pero vós dicides:
"En que nos mostras o teu amor?".
Non era Esaú irmán de Xacob?
–é o Señor quen fala–
e eu amei a Xacob [3]e menosprecei a Esaú:
convertín as súas montañas
nunha desolación
e deilles a súa herdanza
aos chacais do deserto.
[4]Si, Edom di: "Estamos destruídos,
pero volveremos reconstruír as ruínas".
Así fala o Señor dos Exércitos:
Eles reconstruirán, pero eu destruirei,
e chamáraselle: Terra da ruindade
e Pobo co que o Señor está sempre anoxado.
[5] Si, os vosos ollos verano;
entón pensaredes:
O Señor é mais grande
ca os lindeiros de Israel.

### Esixencias dun culto perfecto

[6]O fillo venera ao pai, e o servo ao señor. Pero, se eu son o Pai, onde está a miña veneración? E se eu son o Señor, onde está o meu respecto? Dívolo o Señor dos Exércitos a vós, sacerdotes que desprezades o meu Nome.

E vós dicides: "En que desprezamos o teu Nome?"

[7]Ao presentardes sobre o meu altar ofrendas lixosas, dicides: "En que te lixamos a ti?" Cando dicides: "A mesa do Señor é desprezable", [8]e entón ofrecedes un animal cego para sacrificar: non está isto mal? Ofrecedes animal coxo e animal enfermo: iso non está mal? Preséntallo ao teu gobernador. Sentirase

**1**, 1 *Malaquías*: lit. "Malakí". Emprégase como nome propio, non como título (cf Introd. 2).
*Oráculo* (heb. "massá" ) é o título da colección.
**1**, 2-5 O autor presenta nestes vv. a elección gratuíta de Israel (= Xudá) e a reprobación de Edom (= Esaú), que vén sendo asolado polas incursións das tribos árabes nabateas. O oráculo contrasta esta situación, que resultará definitiva, co amor de Deus para Xudá, que despois da deportación a Babilonia chegou a ser un pobo co seu culto e a súa particularidade étnica, relixiosa e cultural. O xénero literario é o dunha disputa sapiencial, na que as respostas do profeta son oráculos.
**1**, 2 O pobo dubida do amor de Deus, pois ás promesas salvíficas de prosperidade e grandeza (do II Is) non se lles ve cumprimento; pero o profeta confirma a súa afirmación do amor de Deus e da elección gratuíta de Xacob (= Xudá) co rexeitamento de Edom (= Esaú): cf Dt **3**, 8. 13; **23**, 6; 1 Re **10**, 9; Is **43**, 8; Xer **32**, 3.
**1**, 3 *Menosprecei* (lit. "odiei"), que non ten o sentido que nós lle damos, senón que indica a non elección gratuíta de Deus. Os acontecementos dos epónimos seguen marcando no presente a historia dos seus descendentes; por isto, a elección e a non elección dos fillos de Isaac condicionan a situación actual dos seus descendentes Xudá e Edom (cf Xén **25**, 33; Rm **9**, 13). Neste momento Edom estaba asentado na parte sur da tribo de Xudá, deixando o seu territorio por culpa das incursións nabateas e buscando terras máis produtivas.
*Os chacais do deserto*. O entregarlles a eles un lugar simboliza deixar o lugar desolado. Aquí alude directamente ás incursións dos beduínos-árabes-nabateos contra Edom, que comezaron no s. VI, para írense establecendo pouco a pouco no seu territorio.
**1**, 4 O nome imposto aquí a Edom será maldición que desencadee unha historia fatal (pois o nome representa o ser da persoa, e mesmo a súa historia).
**1**, 5 *Entón pensaredes*. Responde á obxección da ocupación de parte do territorio de Xudá polos edomitas. A frase ten dobre sentido: nos pensamentos do pobo desanimado é unha acusación contra Deus, que permite que o territorio de Iavé estea nas mans dos edomitas, mentres que para o profeta quere dicir que o poder de Iavé se estende máis aló do territorio de Xudá (= Israel), e que fará que as súas cidades en Xudea desaparezan.
**1**, 6-**2**, 9 Esta unidade consta dunha serie de acusacións dirixidas aos sacerdotes e ao pobo por aceptaren e ofreceren no seu culto animais ilexítimos (cegos, coxos, enfermos). O texto está recargado polas consideracións da ilexitimidade de tal proceder (**1**, 6. 8b. 11. 14b) e polas tipificacións de tal acusación, recollendo frases da disputa cos sacerdotes (como se fose unha disputa de sabios: **1**, 6c. 7). Máis adiante as acusacións vólvense ameazas condicionais de maldición, de imposibilidade e de impureza total dos sacerdotes, para que estes se animen a manter a vella alianza de Deus (**2**, 1ss). Estas dúas seccións conteñen no medio un elemento positivo (**1**, 11): o ideal do culto perfecto e da alianza levítica (**2**, 5-7).
**1**, 6 A afirmación inicial está collida de Éx **20**, 12; Dt **5**, 16. *Respecto*: lit. "temor", pero un temor reverencial unido coa veneración e o afecto, que vén equivaler ao que chamamos hoxe relixiosidade (cf Dt **6**, 2. 13. 24; **10**, 12. 20). O *Nome* de Iavé é a súa presenza dinámica, salvífica e bendicinte no culto e no templo.
**1**, 7-8 *A ofrenda lixosa*, que lixa ao mesmo Iavé e fai desprezable a súa mesa do sacrificio, é o animal con algún defecto físico: coxo, cego ou enfermo. Non é o profeta un rubricista ao estilo dos fariseos do N. T., senón que as súas esixencias arrincan do mesmo concepto da relixión: o home precisa ofrecer algún froito dos seus traballos, para expresar a súa dependencia de Deus. Estes froitos deben ser dos mellores, pois Deus merece iso e moito máis (cf o paralelismo cos regalos ao gobernador).
**1**, 8 *Mostrarache o seu favor*: lit. "levantará a túa casa", como resultado da confianza que o superior dá ao inferior.

agasallado da túa parte ou mostrarache o seu
favor? –fala o Señor dos Exércitos–. 9Pois
agora intentade abrandar o rostro anoxado de
Deus, mostrarásevos benévolo? Isto está na
vosa man, retirará por iso de vós o seu ros-
tro anoxado? –fala o Señor dos Exércitos–.
10Quen hai de entre vós que queira pechar
as dúas portas para non prenderdes en van o
lume no meu altar? Non teño ningunha com-
pracencia en vós –fala o Señor dos Exérci-
tos–; non me sinto a gusto coa ofrenda que
provén das vosas mans. 11Certo, desde a saída
do sol ata a súa posta é grande o meu Nome
entre os pobos, e en todos os lugares arde
unha oblación no meu Nome e unha ofrenda
pura, porque grande é o meu Nome entre os
pobos –fala o Señor dos Exércitos–.
12Pero vós profanastes o meu Nome ao
dicirdes: "A mesa do Señor está lixosa e a
súa comida é desprezable". 13Si, vós dici-
des: "Ollade, que traballo!", e desprezades a
comida –fala o Señor dos Exércitos–, pero
traedes do que collestes. Si, o animal coxo
e enfermo, ese é o que traedes de ofrenda.
Podo eu recibila con gusto das vosas mans?
–fala o Señor–. 14Maldito sexa o tramposo,
que ten no seu rabaño un macho, pero cando
fai voto, ofrécelle en sacrificio ao seu Señor
algo desprezable. Pois eu son o grande Rei
–fala o Señor dos Exércitos–, e o meu Nome
é temible entre os pobos.

**2** 1Agora esta orde vai para vós, sacerdotes:
2Se non facedes caso e se non colledes a
peito darlle gloria ao meu Nome –fala o Señor
dos Exércitos–, botarei contra vós a maldición
e maldicirei a vosa bendición. Si, xa a maldi-
cín porque non houbo entre vós quen o collese
a peito. 3Vede: eu rompereivos o brazo e tirarei
bosta contra as vosas caras, a bosta das vo-
sas festas. E levareivos a vós con ela. 4Entón
recoñeceredes que eu vos tiña mandado esta
orde para que fose realidade a miña alianza
con Leví –fala o Señor dos Exércitos–.

5 A miña alianza con el fora vida e fartura
e tamén lle tiña concedido o temor,
para que me respecte
e fose humilde ante a presenza
do meu Nome.
6 Na súa boca houbo sentenza verdadeira
e falsidade non se atopou nos seus labios.
Con paz e con rectitude
camiñou comigo,
e a moitos fixoos apartar da iniquidade.
7 Si, os labios do sacerdote
son fieis á ensinanza
e búscase a lei na súa boca:
é o mensaxeiro do Señor dos Exércitos.
8 Pero vós apartastes a moitos do vieiro,
desviástelos do cumprimento da lei,
violastes a alianza con Leví
–fala o Señor dos Exércitos–.
9 Tamén eu vos volverei desprezables
e viles para todos os pobos,
na medida en que vós
non gardastes os meus vieiros,
e na medida en que non considerastes
estimable a lei.

**1**, 9 *Abrandar o rostro anoxado* é aplacar a ira, referido aquí a Deus. Os sacrificios dignos procuraban isto (cf v. 8).
**1**, 10 Trátase das portas de entrada ao patio do templo de Xerusalén, onde se facían os sacrificios. O profeta quere denunciar a escaseza de sacrificios.
**1**, 11 Moitos autores consideran este v. un engadido posterior, pois aínda que Iavé era coñecido entre os pagáns (Xos **2**, 9-12; **5**, 1; Sal **76**, 11-13; **83**, 9s), resulta incomprensible que o autor considere o culto pagán como unha ofrenda pura dirixida a Iavé. É novidade do oráculo o que a misteriosa oblación se ofreza "en todos os lugares" e en todos os pobos pagáns. Certo que esta ofrenda se dirixe a Iavé (por iso se queima), o que supón unha previa conversión dos pobos a El. A expresión "desde o nacente do sol ata a posta", tómase dos textos escatolóxicos-proféticos (cf Sal **50**, 1; **113**, 3; Is **45**, 6; **59**, 19). Por outra banda, hai que notar que ningún dos termos relativos ao sacrificio permiten pensar en sacrificios cruentos, senón na ofrenda do incenso (oración) e nas ofrendas vexetais. Puido influír aquí a relixión persa, de Zoroastro. Tanto a Didaxé coma os Pais da Igrexa e o Concilio de Trento, aplicaron este texto ao sacrificio eucarístico, no que atopa un sentido de plenitude.
**1**, 14 A razón da profanación do Nome do Señor está no egoísmo, que leva a quedarse co mellor, mentres se ofrece o máis cativo (cf nota aos vv. 7-8).
**2**, 2 *Se non colledes a peito*: lit. "se non pondes o corazón". Entendendo o corazón como raíz dos plans e proxectos da persoa. A maldición de Deus para os sacerdotes converte a súa bendición en maldición, facendo destrutor o seu ministerio, por culpa de non procurar a gloria do Señor no seu exercicio cultual (v. 3) e de comportamento na vida (vv. 6-7).
**2**, 3 *Rompereivos o brazo*. Ao romperlles o brazo aos sacerdotes imposibilitábaos para a ofrenda e para o sacrificio dos animais. Ao se lixaren coa bosta dos animais, volvíanse temporalmente inhábiles para o sacrificio, ritualmente impuros. O "lixárselles a cara de bosta" significa a inhabilitación definitiva de tal persoa para o exercicio do sacrificio.
**2**, 5-7 Estes vv. son unha tipificación nova da alianza con Leví, sen cometido de sacrificio, deixando o sacerdocio como unha función de "mensaxeiro do Señor", con humilde relixiosidade, coa función xudicial (segundo a verdade) e cunha actitude moral no seu comportamento.
**2**, 6 *Camiñou comigo*. Alusión ao comportamento moral, seguimento das directrices divinas (cf v. 7: "ensinanza", en paralelo con "lei").

**Contra os matrimonios mixtos e o divorcio**

10 Non temos todos nós un único Rei?
Non vos criou a todos o único Deus?
Por que traizoamos
cada un ao seu irmán,
violando a alianza de nosos pais?
11 Xudá obra a traizón; cométese en Israel
e en Xerusalén unha abominación.

Certo, Xudá profana
o santuario do Señor,
ama e casa coa filla dun deus estranxeiro.
12 O Señor fará desaparecer
o home que tal cousa fixo,
ao promotor e á testemuña:
faraos desaparecer das tendas de Xacob
e do grupo que presenta
a ofrenda ao Señor dos Exércitos.

13 Velaí, esta segunda cousa fixestes:
cubrir de bágoas o altar do Señor,
de choros e de pranto,
porque xa non fai caso da vosa ofrenda,
nin recibe con gusto
o que sae das vosas mans.
14 Vós dicides: "Por que?".
Polo feito de que o Señor
fixo de testemuña entre ti
e a muller da túa mocidade,
porque ti a traizoaches,
aínda que ela foi a túa compañeira
e a muller da túa alianza.
15 Certo, o Señor fixo unha unidade,
e a unidade ten carne e espírito.
E, que busca a unidade?
Unha descendencia santa.
Tede, pois, coidado do voso espírito,
e non lle fagas traizón
á esposa da túa mocidade.
16 Se alguén repudia con odio
–fala o Señor, Deus de Israel–,
cobre de violencia o seu manto
–fala o Señor dos Exércitos–.
Tende, pois, coidado
do voso espírito e non fagades traizón.

**O día da vinda do Señor**

17 Vós cansades o Señor
coas vosas palabras,
e dicides: "En que o cansamos?".
Cando dicides: "Todos os que obran mal
son bos aos ollos do Señor:
El sente amor por eses";
ou: "Onde está o Deus
dos xustos xuízos?".

**3** 1 Velaí: Eu mando o meu mensaxeiro,
para que limpe o camiño diante de min.
Nun momento entrará no seu santuario
o Señor, a quen vós estades buscando,
o mensaxeiro da Alianza,
a quen vos lle tendes amor:
vede que chega
–fala o Señor dos Exércitos–.

2 Quen aguantará o día da súa chegada?
Quen se manterá de pé
cando El apareza?
Si, El será coma o lume do fundidor,
coma a lixivia dos que lavan.
3 Sentarase coma o fundidor

**2**, 10-16 Exhortación reforzada por unha serie de acusacións. Desenvólvese o tema da alianza quebrantada polo pobo ao levarse mal entre eles e profanar ademais o santuario de Deus contraendo matrimonios con pagáns (vv. 10-12). Nesa situación, xa non lle agradan a Deus as ofrendas do pobo nin a liturxia penitencial (v. 13), pola ruptura desa alianza que se indica explicitamente en termos de matrimonio entre Deus e o pobo de Israel (vv. 14-16).

**2**, 10 Deus é o único pai do pobo, pois constituíuno e fixo ademais alianza cos seus devanceiros.

**2**, 11b Contraendo matrimonio con xente allea a esta relación entre Israel e o seu Deus, esquécese facilmente a razón de ser do pobo (cf 1 Re **11**, 1-13).

**2**, 12 Maldición do profeta, excluíndo da participación no culto aos que promoven e dalgún xeito participan nestes matrimonios profanadores da unidade e da santidade do pobo.

**2**, 13 Hai tamén unha ruptura da alianza por parte de Deus, en canto que xa non recibe con agrado nin a liturxia penitencial nin a das ofrendas. A razón é a infidelidade da muller que Deus desposara e protexera, (cf nota aos vv. 10-16).

**2**, 15 A unidade matrimonial ten *carne e espírito*. A carne alude ao pracer, ao sexo, mentres que o espírito é a apertura humana a ser movido por Deus ou por outros espíritos. Esta unidade vai dirixida cara a unha descendencia divina. O autor quere precaver a xente contra o seguimento dos ídolos e o conseguinte abandono de Deus, a "esposa" da súa mocidade.

**2**, 16 *Repudia con odio* (lit. "odia repudiando"). O manto significa o leito matrimonial ou o exercicio sexual, pois "cubrir co manto" (ou coa esquina do manto) é un eufemismo para significar as relacións sexuais.

**3** Unidade literaria que ofrece unha resposta ao problema da retribución, provocado polo progreso material dos impíos mentres que os xustos pasan dificultades (cf Sal **37**, 1; **49**, 17). Un oráculo salvífico (**3**, 1), a presentación do Día do Señor (**3**, 2-4), e un oráculo condenatorio (**3**, 5), constitúen a devandita unidade literaria.

**3**, 1 O *velaí* expresa a prontitude da intervención de Deus; pero esta intervención estará preparada polo mensaxeiro de Deus, que lle fai o camiño. Este mensaxeiro parece ser Elías (v. 23; cf 2 Re **2**, 11-13), a quen Deus enviará ao remate dos tempos. O N. T. ve realizada a volta de Elías en Xoán o Bautista (Mt **11**, 7-14; **17**, 1-13).

*A Alianza*, ao levar artigo, debe ser a Nova, xa anunciada (cf Xer **31**, 31; **32**, 40; Ez **34**, 25).

**3**, 2-4 A chegada do mensaxeiro da Alianza ten caracteres teofánicos de temor sagrado. A purificación que realizará exprésase coas imaxes de refinado dos metais preciosos, e comezará polos sacerdotes do templo, para que as súas ofrendas sexan do agrado de Deus.

que refina a prata,
refinará os fillos de Leví e purificaraos;
coma a prata e coma o ouro,
así serán para o Señor
os que presenten a ofrenda con xustiza.
4Entón seralle agradable ao Señor
a ofrenda de Xudá e Xerusalén,
coma nos días remotos,
coma nos anos antigos.
5Entón achegareime a vós
para o proceso xudicial,
e serei acusador aleuto
contra os feiticeiros e contra os adúlteros,
contra os que xuran en falso
e contra os que abusan
do pagamento do xornaleiro,
da viúva e do orfo,
e rebaixan os dereitos do emigrante.
Pero non me teñen medo
–fala o Señor dos Exércitos.

**A paga das débedas cúlticas, sinal de fidelidade e bendición**

6 Eu son o Señor, non cambiei,
pero vós, fillos de Xacob (do que engana)
aínda non acabastes.
7Si, desde os días de vosos pais
vídesvos apartando dos meus preceptos,
e non os gardades.
Volvede a min, e eu volverei a vós
–fala o Señor dos Exércitos–.
Pero vós dicides:
"En que temos que volvernos?".
8Pode un home roubar a Deus?
Pois vós estádesme roubando a min.
E dicides: "En que che roubamos?".
Nos décimos e nas primicias.
9Coa maldición estades sendo malditos,
pero seguides roubándome vós,
o pobo enteiro.
10Traede todo o décimo á casa do tesouro,
para que haxa comida no meu templo.
Si, poñédeme a proba
–fala o Señor dos Exércitos–,
para ver se eu non vos abro
as comportas do ceo,
para librar sobre vós a bendición
ata que nada quede na miña man.
11Rifaríalle en favor voso ao saltón,
para que non vos destruíse o froito da terra,
e para que a viña no campo
non vos quedase sen uva
–fala o Señor dos Exércitos–.
12Entón proclamaríanvos ditosos
todos os pobos,
pois sodes un país de felicidade
–fala o Señor dos Exércitos.

**O día do Señor será de triunfo e ledicia para os seus fieis**

13Os vosos ditos contra min son duros –fala o Señor–. Preguntades: "Que dixemos nós contra Ti?". 14Dicides: "É cousa inútil servir a Deus! Que proveito quitamos de gardar os seus mandamentos, e de camiñarmos en penitencia na presenza do Señor dos Exércitos? 15Agora nós declaramos felices os soberbios: Si, os que cometen maldades prosperan, poñen a proba a Deus, líbranse".

16Deste xeito falan entre eles os que respectan o Señor, cada un co seu próximo, pero o Señor préstalles atención e escóitaos, pois o libro das lembranzas estase escribindo na súa presenza, por mor dos que temen o Señor e estiman o seu Nome. 17Serán para min –fala o Señor dos Exércitos– propiedade persoal no día en que eu actúe, porque lles perdoarei o mesmo que un home perdoa o fillo obediente. 18Entón veredes de novo a diferenza entre o xusto e o malvado, entre quen serve ao Señor e quen non o serve.

19Pois velaí chega o día:
abrasará coma un forno,
e os soberbios e todos
os que cometen a maldade serán palla.
Si, o día que chega será a vosa queima

**3**, 5 A purificación tamén afectará ao resto do pobo, castigando os seus feitizos e inxustizas (cf **2**, 17).

**3**, 6-12 Nos vv. 6-10a confírmase a permanencia do amor de Deus ao pobo (Xacob), que non atopa correspondencia, pois a xente engana e rouba a Deus. Mal xoga cos vocábulos "Xacob-enganar-roubar", en hebreo moi semellantes ("iaqob-aqab-qabá").

Os vv. 10b-12 presentan con fina ironía a invitación a unha aposta con Deus: se o pobo lle dá a Deus o que lle debe, verá se Deus é capaz de proporcionarlle boas colleitas.

**3**, 13-21 Esta unidade consta dun diálogo no que Deus recolle as queixas do pobo (vv. 13-15), gravadas no libro das lembranzas (v. 16). Conclúe a perícope cun oráculo de perdón para os fieis aínda que murmuren, e de castigo para os malvados, no "día do Señor".

**3**, 16 Sorprende que estes murmuradores dos plans de Deus sexan a comunidade dos xustos, que, aínda que precisan purificación e perdón, serven ao Señor. Constitúen a comunidade fiel, servidora de Deus, non obstante os desánimos. A fe bíblica implica a Deus no acontecer histórico, e son normais as queixas dirixidas a acadar a benevolencia do Señor.

**3**, 19 A imaxe do xuízo de castigo polo lume leva ao aniquilamento da esperanza de vida e felicidade no máis alá, pois sen ósos onde resida o espírito humano non hai posibilidade de esperanza de vida e felicidade. A imaxe da queima do restrollo ou do gran complétase coa da queima do bosque, sen deixar raíz nin póla: os cadáveres dos malvados e soberbios serán reducidos a po (cf v. 21).

–fala o Señor dos Exércitos–:
non vos deixará raíz nin póla.
[20]Brillará para vós,
os que respectades o meu Nome,
un sol de xustiza,
que trae saúde nas súas ás.
Vós sairedes e brincaredes
coma becerros ceibos:
[21]esmagaredes os malvados,
pois serán po baixo a planta dos vosos pés,
no día en que eu actúe
–fala o Señor dos Exércitos.

**Suplementos: mirando aos tempos novos**

[22]Lembrádevos da lei de Moisés,
o meu servo,
lei que eu lle ordenei no Horeb,
preceptos e decretos para todo Israel.
[23]Vede: eu vouvos mandar o profeta Elías
antes de que chegue o día do Señor,
grande e temible:
[24]El fará volver o corazón dos pais
cara aos fillos,
e o corazón dos fillos cara aos pais,
non sexa que eu me vexa obrigado a vir
para castigar o país
co exterminio sagrado.

**3**, 20 A expresión *sol de xustiza*, única en toda a Biblia, refírese a Deus. A imaxe do *sol* con ás é propia de todo o Medio Oriente antigo. *Xustiza* significa aquí a salvación que vén da alianza con Deus, a xustiza salvífica (cf Is **44**, 23ss; **46**, 3; tamén Sal **22**, 32; **36**, 7). *A saúde* que vén nas ás do sol é a realidade salvífica anunciada en Is **53**, 5; **57**, 18-19; e Xer **33**, 6.

**3**, 23; cf **3**, 1 e nota. En Eclo **48**, 10 esta volta de Elías terá a misión de reunir o Israel diseminado; na literatura rabínica Elías ten a importancia que tiveran noutros tempos Abraham ou Moisés.

**3**, 24 *Os pais* son os devanceiros: Abraham, Isaac, Xacob, Moisés. Os seus planos, actitudes internas e méritos, teñen que reverter en beneficio dos seus descendentes nos tempos novos. Tamén as actitudes internas e comportamento dos fillos deben seguir o exemplo dos Patriarcas. A consideración dos tempos antigos como ideais está presente en **3**, 4.

# NOVO TESTAMENTO

# INTRODUCIÓN AO NOVO TESTAMENTO

## 1. A formación do Novo Testamento

*A segunda parte da Biblia noméase* Novo Testamento *ou, con maior propiedade, Nova Alianza. A Alianza feita no monte Sinaí entre Deus e o pobo escolleito, por medio de Moisés, rompérona decote os continuos erros do pobo; Deus foi anunciando outra máis profunda, froito da introdución da Nova Lei no mesmo corazón das persoas (Xer* ***31****, 31-34). Con todo, sendo Deus o autor e inspirador dos dous Testamentos, quixo que os libros do Antigo encontrasen o seu cumprimento e o sentido máis pleno no Novo. A dependencia e harmonía entre os dous grupos de libros é tan grande que non podemos entender ben o Antigo sen coñecermos o Novo, e viceversa. Santo Agostiño di que no Antigo latexa o Novo e que no Novo se fai patente o Antigo.*

*A mensaxe apostólica proclama o cumprimento da Antiga Lei: o que predixeran os profetas faise realidade en Xesús. Así, despois de Xesús morrer, o Pai restableceuno e, entregándolle o Espírito Santo, Xesús repartíullelo aos seus discípulos. Deste xeito chegan os tempos anunciados polo profeta Xoel (cf Feit* ***2****, 14-21;* ***3****, 1-5).*

*A doutrina fundamental da Igrexa nacente non se puxo decontado por escrito. Se aínda hoxe os orientais citan longas pasaxes recibidas por tradición, canto máis coñecerían de memoria naqueles tempos, nos que a meirande parte da xente non sabía ler nin escribir! Nas escolas dos doutores da lei, empregando técnicas retentivas baseadas no ritmo e na rima, que proclamaban en voz alta, aprendíanlles aos alumnos a Lei e mais a súa aplicación á vida (Mixnah). Dun xeito semellante, os apóstolos e discípulos, afrontados á vivencia concreta da súa fe e aos problemas prácticos das comunidades, foron interpretando á luz do Espírito o que lle viran e lle oíran ao Mestre ou mesmo o que recibiran por tradición; e transmitíanllelo de palabra aos que ían ingresando na comunidade.*

*Porén, non por iso deixan de poñerse por escrito pequenos relatos, tales como os que amenta Lc* ***1****, 1-4, destinados probablemente ao uso litúrxico da comunidade e á proclamación misioneira. Porque, aínda que nun primeiro momento os cristiáns continuaron asistindo ao Templo de Xerusalén (cf Feit* ***3****, 1), tamén tiñan xuntanzas nas súas casas, para faceren oración (Feit* ***12****, 12). E, pouco a pouco, tal vez por culpa das persecucións e polo aumento da comunidade, ou quizais por se reuniren no nome de Xesús, vanse distanciando dos xudeus (1 Cor* ***10****, 16ss), celebrando eles o seu propio culto. Ademais, a predicación dos apóstolos vai creando outras comunidades. Nesas celebracións cristiás, co tempo chegaron a proclamar os ditos ou feitos do Señor, igual que lían as Escrituras da Antiga Alianza. Foi así como se empezaron a ter escritos da Nova Alianza.*

*Contra o que vulgarmente se pensa, motivado tal vez pola disposición dos libros nas edicións do N. T., non foron os Evanxeos os primeiros documentos escritos da cristiandade; fórono algunhas das epístolas paulinas. Paulo, o apóstolo dos xentís, fora escribindo cartas ás comunidades cristiás que el fundara, para se comunicar con elas e confirmalas na doutrina recibida, que eles aceptaran "non como palabra de homes, senón como de verdade é, como palabra de Deus" (1 Tes* ***2****, 13). Os destinatarios acolleron estas cartas con veneración e, cando se escribe a II Carta de Pedro, xa se lles da ás de Paulo e aos outros escritos a mesma categoría das Escrituras da Antiga Alianza (cf 2 Pe* ***3****, 14-16). As outras unidades literarias, que andaban dispersas polas distintas comunidades, vanse recollendo, seguindo o criterio de dependencia da doutrina apostólica e da aplicación ao medio vital ao que se dirixen. Nas introducións aos diversos libros e, en xeral, nas introducións á Biblia, o lector pode seguir con máis detalle o seu proceso de formación.*

*Os libros, que nun longo e vital camiño de discernimento a Igrexa foi aceptando como propios e normativos para a súa fe, constitúen o Canon dos libros do N. T. Practicamente pódese considerar establecido o Canon desde fins do século II, aínda que só a fins do século IV se produce a fixación definitiva. Componse de vinte e sete obras, que podemos clasificar deste xeito:*

- *Evanxeos (4): Mateo, Marcos, Lucas, Xoán.*
- *Feitos dos Apóstolos.*
- *Cartas (21):*
  - *14 pertencentes ao Corpus Paulinum (= orixinais de Paulo ou baseadas nos seus escritos);*
  - *7 Epístolas Católicas (= dirixidas á comunidade cristiá en xeral).*
- *Apocalipse.*

## 2. O mundo da Igrexa nacente

a. Situación xeográfica, política e administrativa

*Palestina, como se pode observar nos mapas adxuntos no Apéndice, estaba formada polas seguintes rexións:*

*1) Galilea; 2) Traconítide, Iturea, Batanea, Gaulanítide e Auranítide; 3) Samaria; 4) Xudea; 5) Perea.*

*Lindaban con Palestina: Fenicia, Abilene, Siria, a Decápolis, Idumea e Nabatea.*

*A relativa independencia que conseguiran os xudeus coa revolución macabea (cf I e II libros dos Macabeos), pérdese no ano 63 a. C., cando Pompeio conquista Xerusalén. Desde entón Palestina é unha parte da provincia romana de Siria.*

*Con Herodes o Grande (37-4 a. C.) unificase Palestina. O rei goza da benevolencia do emperador romano; e ademais sabe aparentar ben diante dos xudeus. Nos derradeiros anos do seu reinado é cando nace Xesús. Fóra a súa condición sanguinaria, que o levaba a eliminar a calquera do que tivera sospeita de querer atentar contra el, podemos afirmar que Herodes foi o rei máis grande que tivo Israel.*

*Ao morrer Herodes, o reino dividiuse en tres partes entre os seus fillos Filipo, Antipas e Arquelao, quedando Filipo como tetrarca da zona norte da Transxordania (Iturea e Traconítide: cf Lc **3**, 1); Antipas, como tetrarca da Galilea (cf Lc **23**, 6-7); e Arquelao como etnarca da Xudea e da Samaria.*

*Arquelao rematou axiña no desterro. Desde aquela (6 d. C.), Xudea e Samaria quedaron como anexos da provincia de Siria, e os romanos mandáronlles procuradores para as gobernaren. Dentro da primeira serie de procuradores romanos (anos 6-41), cómpre salientar a Poncio Pilato, gobernador da Xudea nos tempos da vida pública de Xesús (anos 26 ao 36).*

*Con Agripa I, no ano 41, vólvese unificar Palestina, quedando coma nos tempos de Herodes o Grande; pero, ao morrer Agripa no ano 44, desígnanse novos procuradores para gobernar a Xudea. Desta segunda serie interesa mencionar a Fiz e a Festo, porque diante deles tivo que comparecer san Paulo (cf Feit **24**, 1ss; **25**, 1ss). Tamén cómpre constatar que, entre o goberno de Festo e o do seu sucesor Lucelio Albino, estando vacante o posto de procurador, o Sumo Sacerdote Ananos axustizou a Santiago O Xusto, Bispo de Xerusalén, tal como testemuña Flavio Xosefo (cf 1 Cor **15**, 7; Gál **1**, 19; St **1**, 1). Corría o ano 62.*

*O ano 66 comeza a guerra entre os xudeus e os romanos. Estes conquistan Xerusalén no ano 70; no 74 remata a guerra, coa toma da fortaleza de Masada, ocupada daquela polos zelotas, os sicarios e outros que loitaban contra Roma.*

*Militarmente, os procuradores dependían de Siria, onde había un exército regular (tres lexións). En Xudea tiñan un exército local (seis cohortes, de cincocentos soldados cada unha).*

*Administrativamente, o procurador encargábase de nomear o Sumo Sacerdote, quen, xunto co Sanedrín, debía custodiar a orde interior, porque o pretor, que vivía en Cesarea, só ía a Xerusalén polas festas.*

*Os bens da coroa eran do emperador e administrábaos o representante do imperio. O sistema tributario encamiñábase a encher as arcas dos romanos e a sufragar os gastos da provincia. Para recadar os impostos buscábase xente rica, os publicanos ou recadadores, que, en calquera caso, facían chegar a Roma o estipulado, pero que normalmente xuntaban moito máis.*

*Xudicialmente, o gobernador tiña o poder supremo. Reservábase o dereito á pena de morte e mais os procesos dos que atentaban contra Roma. Fóra destes casos, era competente o Sanedrín.*

*Relixiosamente, os xudeus tiñan unha autonomía total. No civil, gozaban, por mor das súas crenzas, de certas exencións, como a de non daren culto ao emperador, a de non faceren o servizo militar, a de non traballaren en sábado e cousas semellantes. Interviñan na vida pública por medio do Sanedrín. Este era o senado do pobo de Israel. En tempos de Xesús e da Igrexa apostólica, estaba constituído polo Sumo Sacerdote, os Sacerdotes Xefes, os escribas e os representantes da nobreza leiga. O total dos membros era de setenta e un (setenta e mais o Sumo Sacerdote).*

b. A clase dirixente de Israel

*1. O clero. Tendo en conta que o goberno de Israel en tempos de Xesús era de carácter teocrático, o clero tiña que formar parte da nobreza. Entre os sacerdotes había diversas xerarquías:*

*-A máxima categoría tíñaa o Sumo Sacerdote, oficialmente santo, que conservaba o título para sempre (xa que "a súa santidade era eterna") aínda que só exercese unha vez, mesmo substituíndo a outro. El era o único*

*que tiña o dereito de entrar na parte máis oculta e sagrada do templo (Sancta Sanctorum) o Día da Expiación, para recibir as comunicacións divinas e expiar os pecados da comunidade (cf Éx **30**, 10). A súa propia morte tiña a virtude de expiar os pecados do pobo. En non habendo rei nin pretor, el era a máxima autoridade.*

*-Tamén tiñan verdadeira importancia os Sacerdotes Xefes do templo. Cando os evanxeos fan mención dos Sumos Sacerdotes, refírense ao Sumo Sacerdote e aos Sacerdotes Xefes conxuntamente. Tamén estes forman parte do Sanedrín.*

*Aínda había outra clase sacerdotal, a dos simples sacerdotes. Dedicábanse ao servizo do templo e tiñan á vez outros traballos, porque o ministerio non lles daba para vivir.*

*Por debaixo dos sacerdotes, aínda que formando parte do clero, estaban os levitas, en número de dez mil, de moi distinto rango. Os privilexiados entre eles eran os cantores e os músicos; os de ínfima categoría eran os servidores do templo, que facían as funcións de sancristáns.*

*2. Os escribas. Chamábanlles tamén Doutores da Lei, Mestres e Rabinos, porque oficialmente eran os coñecedores da ciencia oculta sagrada. Tíñanse como semellantes aos profetas, e aínda máis avantaxados, porque non necesitaban presentación. Calquera que vise pasar un escriba, se non estaba traballando, debíase erguer en sinal de respecto. Nas asembleas correspondíalles ocupar os postos de honra (cf Mc **12**, 39); e, cando se falaba con eles, habíalles que chamar rabí, pai, ou mestre. Os escribas constituían, xunto cos sacerdotes xefes e os anciáns, o Sanedrín, como constatamos máis arriba.*

*3. A nobreza leiga. Tiña un posto no Sanedrín, a carón da nobreza do clero e dos escribas. Os representantes da nobreza leiga nomeábanse Anciáns, e eran xefes das familias influentes. No N. T. fálase deles cando se mencionan os primeiros do pobo (Lc **19**, 47). Flavio Xosefo dálle os títulos dos primeiros da cidade, os xefes do pobo, os notables, os poderosos. A literatura rabínica chámalles os grandes da xeración, os grandes de Xerusalén ou as xentes de Xerusalén de alto rango. Preocupábanse da asistencia aos pobres e mais do culto, á parte do seu labor de cada día.*

*A nobreza leiga estaba constituída, na súa meirande parte, por saduceos, grupo que, segundo Flavio Xosefo, estaba peor visto ca os fariseos.*

c. O Templo e as Sinagogas

*1. Os precedentes do Templo están na tenda que levaban os israelitas polo deserto camiño da terra prometida, e que constaba de dúas estancias: O Santo e O Santo dos Santos. Salomón construíu o primeiro templo, que tivo especial relevancia na época de Ioxías, e que Nabucodonosor destruíu no ano 587/6 a. C. Restaurado por Zerubabel á volta do desterro (515 a. C.), continúa ata o momento en que Herodes o Grande fai outro máis suntuoso.*

*O templo de Herodes constaba das seguintes estancias:*

*Adro dos xentís.*

*Adro das mulleres.*

*Adro dos homes ou de Israel.*

*Adro dos sacerdotes.*

*O Santo (co altar do incenso, a mesa cos bolos de pan da proposición e o candelabro dos sete brazos).*

*O Santo dos Santos (coa Arca da Alianza, ata o exilio).*

*No Templo facíanse oracións comunitarias (cf Feit **3**, 1) e, máis que nada, sacrificios: holocaustos, ofrendas de gran, sacrificios de comuñón e sacrificios expiatorios.*

*2. A Sinagoga recibe o nome do feito de reunirse, e naceu probablemente no tempo do desterro babilónico, ao faltar o templo. É un edificio rectangular orientado cara a Xerusalén, e que ten un estrado para proclamar as lecturas, asentos ou alfombras para sentar e un armario para gardar os libros sacros.*

*A celebración sinagogal comeza cunha profesión de fe (cf Dt **6**, 4); seguen unhas lecturas bíblicas; e, en tempos de Xesús, unha tradución aramea (targum) e mais o comentario do presidente da asemblea (midrax). Remata o acto coa bendición.*

*A Eucaristía cristiá nace nese ambiente xudeu da celebración da palabra (na Sinagoga), e dos sacrificios (que tiñan lugar no templo), especialmente o sacrificio de comuñón.*

d. As festas

*No antigo Israel tiñan un carácter agrario, que se foi perdendo pouco a pouco, ata se converter en conmemoracións de acontecementos salvíficos. As tres máis importantes son a dos Ácimos (festa da Pascua), a das Semanas (Pentecoste) e a das Cabanas. Os israelitas piadosos en tempos de Xesús peregrinaban a Xerusalén nesas festas.*

*1. A festa da Pascua, que se celebra na Primavera, relembra a liberación da escravitude en que viviran en Exipto os membros do pobo de Israel (cf Éx **12**, 1ss. 43 ss; **13**, 3 ss). Inmólase o año pascual, que se come ese día pola noite, cando xa comezara polo serán o día grande da festa. O ritual da cea pascual axúdanos a comprender algúns textos do N. T. (Xn **19**, 33-36; 1 Cor **10**, 16...), e ofrécenos o contexto vital que dá orixe ás palabras do ofertorio da Eucaristía cristiá, ao uso do pan ácimo e á mestura da auga co viño nas nosas celebracións.*

*2. A festa das Semanas, chamada tamén de Pentecoste, celébrase pasadas sete semanas despois da Pascua, aos cincuenta días da festa. Ofrécense a Deus as primicias da recolleita e relaciónase coa chegada dos israelitas ao Sinaí, no camiño da terra prometida, facendo así a renovación da Alianza (cf Dt **26**, 9-10; 2 Cro **15**, 10). No N. T. celébrase nesa data a vinda do Espírito Santo, que fortalece e sensibiliza os corazóns dos apóstolos (Feit **2**, 1ss; cf Xer **31**, 31-34; Xl **3**, 1-5).*

*3. A festa das Cabanas ou da recolleita celébrase no outono e dura unha semana. Pásase a festa en cabanas ou tendas, relembrando a peregrinación de Israel polo deserto. Dáselle grazas a Deus pola auga que fixo frutificar os campos e pídeselle a chuvia para a sementeira. A auga que se verte nesa festa ofrécenos luz para a comprensión dalgunhas pasaxes neotestamentarias, como a de Xn **7**, 37-38. E os ramos de palmeira, salgueiro e mirto, que axitaban na festa ao tempo que entoaban o Hosanna! (Sal 118), dannos a clave para interpretar os textos de Zac **9**, 9-10 e Xn **12**, 12-16. Por outra banda, o feito de acender os candeeiros do adro das mulleres, nun ambiente de espera do Mesías (cousa que acontecía sempre nesa festa), axúdanos a comprender as palabras de Xn **8**, 12, coas que Xesús se presenta como a luz do mundo.*

*4. O "IomKippur" ou Día da Expiación aparece na Mixnah entre as festas, a pesar do seu ton penitencial. Celébrase cinco días antes da festa das Cabanas (cf Lev **23**, 27-32; Núm **29**, 7-11). É o único día do ano no que os xudeus teñen verdadeira obriga de xaxuar.*

*Só nesa data podía entrar o Sumo Sacerdote no Santo dos Santos, para asperxer a Arca da Alianza, o altar de ouro e toda a sala co sangue dun carneiro e dun xovenco, ao mesmo tempo que pedía a Deus o perdón dos pecados (cf Lev **16**, 1-34). Tamén descargaba os pecados do pobo sobre outro carneiro que facían caer por un barranco no deserto. Se non coñecésemos a existencia ou o sentido desa xornada penitencial, non poderiamos comprender algúns textos do N. T. (2 Cor **5**, 21; Heb **7**, 26-29; **9**, 1-28; **10**, 19-20...) e, en xeral, a obra redentora de Cristo.*

*5. O Día da Dedicación ou festa das Luces relembra a purificación do Templo, despois de que Xudas o Macabeo atinxiu a vitoria contra os seléucidas (1 Mac **4**, 54ss; 2 Mac **2**, 20). Celébrase no inverno (cf Xn **10**, 22) e dáse grazas a Deus pola providencia que exerce co pobo escolleito. Acéndense candeas e isto ofrécelle a Xesús un contexto vital moi axeitado para se presentar tamén como a luz do mundo (Xn **9**, 1ss).*

*6. O Sábado é un día consagrado a Deus, no que se imita ao Creador, deixando de traballar despois de seis días de esforzos. O descanso sabático vén esixido tamén como recoñecemento, por parte do crente, da liberación de Exipto, onde os xudeus tiveran que traballar como escravos (cf Dt **5**, 15). O sábado forma parte da Alianza con Deus. Moitos xudeus deixáronse matar por non profanalo (cf 1 Mac **2**, 32-38; 2 Mac **6**, 11). Comeza o venres ao serán e remata ás vinte e catro horas. Xesús, ao ver as esaxeracións que cometían algúns membros destacados do pobo, sen ir El contra o descanso sabático, relativízao moito (cf Mt **12**, 2; Mc **3**, 4; Lc **13**, 15).*

*7. Hai outras festas como as do Ano Novo e a dos Purim, que non comentamos aquí, por teren menos incidencia no N. T.*

### e. Grupos relixiosos e políticos nos tempos de Xesús e da Igrexa apostólica

*É difícil distinguir naquela sociedade teocrática que grupos tiñan matiz político e cales o tiñan relixioso. Por esta razón tratarémolos conxuntamente destacando os aspectos máis relevantes de cada un deles. Farémolo con certo vagar porque unha orientación clara neste punto é indispensable para entender moitos pasos do N. T.*

*1. Os fariseos. Saíran do movemento asideo, que xurdira no tempo dos macabeos como oposición ás tendencias innovadoras gregas. Eran leigos. Daban verdadeiro culto á Lei mosaica e nese senso contrapúñanse á xerarquía sacerdotal saducea. Pero esquecéndose do senso profundo da Lei, convertíana nunha casuística. Chegaron a considerar que a xustificación do home ante Deus vénlle polo cumprimento dos seiscentos trece*

*preceptos (cf Lc **18**, 9-14): douscentos corenta e oito mandatos e trescentas sesenta e cinco prohibicións, o que provocará a reacción de Saulo de Tarso, despois de chegar a cristián e ser apóstolo de Xesucristo. Como comprendían que era imposible cumprir todas as miudezas da Lei, facían obras de caridade ou xaxúns, para compensaren os erros. Desprezaban a xente vulgar, que ignoraba as minucias da Lei (cf Xn 7, 49), xa que, dese xeito, eles coidaban que non podía coñecer a vontade de Deus, e menos aínda, cumprir con ela (cf Lc **18**, 9-14).*

*2. Os saduceos. Desde moito tempo atrás exercían o Sumo Sacerdocio, e a eles pertencían as clases sacerdotais máis altas. Eran moi estritos na interpretación da Escritura, pero eran abertos, en troques, ao mundo grego. Pensaban nunha certa autonomía no tocante aos romanos, mais estaban comprometidos con eles e trataban de afogar calquera intento de sublevación (Xn **11**, 47-53; cf Mt **26**, 1-5).*

*3. Semellante á liña relixiosa dos saduceos, era a dos herodianos, dos que non sabemos con certeza se eran secuaces de Herodes ou empregados da corte. O que si sabemos é que eran adversarios de Xesús, xunto cos fariseos. Fálasenos deles en Mt **22**, 16 e en Mc **3**, 6 e **12**, 13.*

*4. Outra seita xurdida dos asideos era a dos esenios. Molestos polo uso do calendario lunar e polo nomeamento de Ionatán como Sumo Sacerdote non sendo de estirpe sadoquita, romperon co templo e retiráronse ao deserto. Considerábanse o Resto de Israel, os elixidos do Señor, e vivían agardando a intervención divina que rematase coa vitoria dos fillos da luz sobre os fillos das tebras (cf Mt **13**, 25-30). Amábanse entre eles pero desprezaban os outros, pois eles tiñanse polos verdadeiramente xustos. Agardaban a tres personaxes que habían vir ao remate dos tempos: un sacerdote de verdade, un Mesías descendente de David (Miq **5**, 1-7; cf Mt **2**, 5-6) e un profeta semellante a Moisés (cf Dt **18**, 18).*

*Na zona de Qumrân, á beira do mar Morto, onde se estableceran, atopáronse en tinallas, nunhas covas pretiño de onde vivían, moitos documentos, en papiros e pergamiños, escritos en sete linguas distintas. Algúns exemplares son libros da Biblia hebrea (da que só falta o libro de Ester) ou da grega; outros son libros apócrifos, targums, comentarios bíblicos e libros referentes á vida daquela comunidade xurdida do grupo dos esenios. No tocante ao estudo da Biblia, eses documentos ofrecen luz para fixar o texto orixinal do A. T. e para interpretar con máis propiedade as expresións do Novo.*

*Os esenios de Qumrân desapareceron arredor do ano 68, data da caída de Iericó diante dos romanos.*

*5. Os samaritanos. O pobo xudeu considerábaos cismáticos desde os tempos de Ieroboam, e máis aínda desde que as samaritanas se cruzaran en matrimonio cos asirios, despois do ano 722/1. Cando os xudeus se puxeron a reconstruír o templo, á volta do exilio, non deixaron colaborar os samaritanos por consideralos impuros. Daquela estes construíron un templo no monte Garizim (cf Xn **4**, 20), que os xudeus botaron abaixo no século II a. C., ao queixarse de que axudaran militarmente aos seléucidas contra eles. Pola súa banda, os samaritanos en tempos de Coponio (6-9 d. C.) entraron no templo de Xerusalén con ósos de defuntos o día da vixilia pascual, para contaminalo e impedirlles aos xudeus celebrar a Pascua. En tal estado de cousas, xudeus e samaritanos non se levaban (Xn **4**, 9; cf Lc **9**, 52-56). Xesús escolleu para algunha das súas comparanzas xente samaritana protagonista de obras boas, para afirmar ante o pobo xudeu que tamén os samaritanos eran fillos de Deus (cf Lc **10**, 29-37; **17**, 11-19).*

*6. Os celotes. Viñan sendo celadores da gloria de Deus. Caracterizábaos un certo fanatismo relixioso, que podía levalos a asumir actitudes semellantes á de Fineés (cf Núm **25**, 6-13) e á dos Macabeos (cf 1 Mac **2**, 25-26). Non obstante, ao contrario do que se pensaba aló pola segunda metade do século XX, os celotes non formaban un grupo de resistencia contra os romanos nos tempos de Cristo. Flavio Xosefo emprega por vez primeira o termo celote referido a un grupo, para aludir a Menahem e os seus, ao chegaren a Xerusalén, no ano 66. Nese mesmo ano e ao longo de todo o ano 67, refíreo a unha morea de guerrilleiros que loitaban contra Roma. Para os romanos os celotes eran bandidos, ladróns (cf Mc **15**, 27; Lc **23,** 33; Xn **18**, 40). Despois da capitulación de Xerusalén refúxianse con outros grupos contrarios a Roma na fortaleza de Masada. Capitaneados por Elazar, resisten alí ata o ano 74. Daquela, non podendo xa máis, decidiron matarse entre eles, de xeito que, cando Silva e o seu exército conseguen entrar na fortaleza, só atoparon cadáveres, como no Medulio e en Numancia.*

*6. Os sicarios. Reciben o seu nome do latín "sica", puñal de folla curva que empregaban para asasinar a algúns romanos e aos colaboracionistas con Roma. Os seus precedentes remóntanse ao nacionalista Ezequías (axustizado por Herodes, sendo gobernador de Galilea, no 47/46 a. C.) e ao seu fillo Xudas o Galileo. Tiveron moita actividade nos tempos inmediatamente anteriores á guerra xudía contra Roma. Sendo Fiz o procurador (anos 52-60), Roma crucificou a catro mil deles (cf Feit* ***21****, 38). Ao caer Xerusalén, unha parte dos sicarios refúxianse en Masada e outros foxen para Alexandría e Cirene.*

*7. Os bautistas. Hai nos tempos de Xesús algúns grupos que teñen como común denominador o rito da inmersión na auga, vinculado á idea do perdón dos pecados, pola chegada dos tempos finais. Destacan, por unha banda, o grupo de Xoán o Bautista e o de Xesús e, por outra, os bautistas da mañá, os bautistas cotiás, os masbeos, sabeos e mandeos. O coñecemento da existencia das devanditas prácticas bautismais é de moita axuda para comprender algunhas pasaxes neotestamentarias.*

### 3. O mundo da dispersión cristiá

*Por causa da persecución producida cando a morte de Estevo, membros da comunidade de Xerusalén fuxiron de alí e foron predicar a Chipre e a Siria, dirixíndose só aos xudeus (Feit* ***11,*** *19). Os xudeus, como é sabido, andaban espallados polo mundo adiante en número de catro ou cinco millóns, ben como antigos deportados, ben como emigrantes por conta propia. No tempo de Xesús había moitos xudeus en Siria, e tamén había ben deles en Alexandría e en Roma.*

*O libro dos Feitos dos Apóstolos (****11****, 20-26) dinos tamén que algúns de Chipre e de Cirene lles predicaban o evanxeo aos gregos en Antioquía. Aquí comezou a predicación aos xentís, e aquí recolléronse os primeiros froitos entre eles. Bernabé vai a Tarso buscar a Paulo e quedan os dous durante un ano enteiro en Antioquía. Máis tarde, coa caída de Xerusalén, as comunidades cristiás de orixe xudía perderán importancia e vana coller entón as formadas por cristiáns procedentes do paganismo.*

*Os cristiáns de fóra de Palestina forman o mundo da dispersión cristiá: un mundo constituído xeograficamente polos sitios visitados máis que nada por Paulo e os seus acompañantes, aos que temos que engadir Bitinia, Ponto e Capadocia, comunidades ás que dirixe Pedro a súa primeira Carta (1 Pe* ***1****, 1).*

*Relixiosamente era un mundo politeísta con deuses romanos, gregos ou orientais. Entre eles destacan os doce deuses do panteón romano e de por parte Mitra, Asclepio, Isis, Serapis e Adonis. En Grecia proliferaban o politeísmo (cf Feit* ***17****, 22s), a maxia, a astroloxía e mais a mántica ou adiviñación.*

*Politicamente, como dixemos en 2.a., todo era parte do Imperio Romano. Dentro del había moitos xudeus que tiñan o privilexio da cidadanía romana, especialmente en Roma, a capital.*

*Con este mundo, formado por xudeus e xentís, por servidores de Iavé e por adoradores de moitos deuses, vaise encontrar Paulo nas súas viaxes misioneiras. Pola graza de Deus e os traballos do apóstolo, irán nacendo as comunidades cristiás de Siria e Cilicia, Listra, Iconio... (cf Feit* ***15****, 41;* ***16****, 2); e, máis tarde, para darlles azos ás comunidades que se ían formando, escribiría Paulo algunhas cartas que enriquecen os datos revelados e que nos poñen ao tanto da vida daquelas comunidades primitivas.*

### 4. Os influxos culturais no N. T.

*Mesmo sendo Palabra inspirada, non podemos esquecer que o N. T. aparece encarnado na cultura do seu tempo. Para entendelo no seu auténtico significado cómpre, logo, coñecer os diversos factores que configuran o ambiente cultural onde nace. Sinalemos os principais:*

a. O rabinismo

*O N. T. escribírono xudeus, formados nunha mentalidade xudía e que utilizaban as técnicas de interpretación dos mestres de Israel. Como, ademais, no Israel dos tempos de Xesús só sabía hebreo a xente culta, é doado pensar que os apóstolos coñeceron a Biblia hebrea a través da tradución aramea que se facía nas sinagogas, unha tradución adoito parafraseada, o chamado "targum". Hai ademais unha serie de procedementos rabínicos que teñen reflexo no N. T. Por citar un fundamental, sinalaremos o "derax", actualización dun texto bíblico, proxectado nunha peza literaria que, conseguintemente, se nomea "midrax". Para máis amplitude, véxase a introdución á Apocalipse. Tendo en conta estas influencias na formación do N. T., está claro que o coñecemento da literatura targúmica é de vital importancia para comprender o alcance da revelación que nos ofrece o N. T.*

b. Os escritos do mar Morto

*Como xa deixamos dito, á beira do mar Morto, en Qumrân, descubríronse a partir do ano 1947 unha morea de documentos pertencentes a unha comunidade esenia, algúns deles bíblicos, outros que son froito dunha reflexión sobre a Biblia e outros que tratan do espírito e da disciplina da comunidade. Estes documentos, escritos entre o século III a. C. e o I d. C., ofrécennos elementos moi importantes para interpretar con propiedade as expresións e o contido xeral do N. T.*

c. O helenismo

*Aínda que o mundo xudeu tivo máis influxo nos escritos do N. T. que o grecorromano, non podemos perder de vista: 1) que os romanos, que adoptaran para si a cultura grega, mandaban en todos os países da costa mediterránea; e 2) que a Igrexa dos tempos que seguiron á morte de Estevo se desenvolveu nuns lugares nos que se falaba o grego e había un xeito de vida e unhas institucións eminentemente gregas. Por iso, os predicadores da mensaxe de salvación tivérona que expoñer nunhas categorías semellantes ás dos destinatarios, para que os entendesen ben: categorías que se reflicten dalgún xeito nos escritos. Coñecelas, axúdanos a interpretar a mensaxe con xeito.*

d. O gnosticismo

*Non é tampouco estraño atopar paralelismos entre as concepcións gnósticas e certas afirmacións do N. T. A procedencia desas expresións neotestamentarias non se coñece con seguridade, porque vestixios das mesmas ideas hainos tamén no xudaísmo. Dentro dos libros pertencentes ao N. T. temos que facer unha distinción: nos Evanxeos Sinópticos case non damos atopado pasaxes gnósticas; en cambio nas Cartas paulinas máis recentes si que hai trazas desas ideas, aínda que o máis probable é que se trate de coincidencias comúns e de interferencias dentro dunha linguaxe relixiosa que xorde conxuntamente. En calquera caso, o coñecemento do mundo da gnose achega algunha luz ao intérprete do N. T.*

**5. O texto do N. T.**

*Os documentos orixinais (autógrafos) do N. T. perdéronse; pero o texto recollido neles chegou a nós escrito en papiros, pergamiños e leccionarios, así como nas citas dos autores cristiáns e nas traducións. Hai moitos manuscritos do N. T.: mais de cen papiros, varios centos de códices maiúsculos e milleiros de códices minúsculos e leccionarios.*

*Coma en todos os textos antigos, as variantes entre as diversas copias son numerosas. Débense sobre todo a erros materiais dos copistas e aos diversos intentos de facer máis comprensible unha expresión a xente distinta daquela á que antes se dirixira. Mesmo así cómpre advertir que o N. T. constitúe o conxunto de textos máis privilexiado de todo o mundo antigo, tanto polo número coma pola calidade e antigüidade dos documentos.*

*Feita xa unha referencia ao número, digamos algo agora no tocante á antigüidade. Mentres os manuscritos máis antigos das obras dos literatos e filósofos da Grecia Imperial son catorce ou quince séculos posteriores a eles, conservamos moi bos manuscritos do N. T. do século III. Aínda máis: hai anacos de papiros que cobren practicamente todo o século II, sendo o $p^{52}$ -que contén algúns versículos do Evanxeo de Xoán- de comezos dese século.*

*Ao longo da historia, pero con máis rigor no século XIX, foise tratando de purificar o texto do N. T., buscando a lectura primitiva. No século XIX aparecen as grandes edicións críticas que nos ofrecen, xunto co texto considerado como primitivo, as variantes. Fixéronse tamén unhas edicións menores que presentan só as variantes máis significativas.*

*No noso traballo de tradución do texto orixinal grego, seguimos normalmente a Aland-Metzger, separándonos deles só nalgún caso e por motivos solidamente fundados.*

*Xosé Fernández Lago*

# INTRODUCIÓN AOS EVANXEOS SINÓPTICOS

## 1. O Evanxeo e os Evanxeos

*O contido fundamental da predicación apostólica é o chamado "kerigma" (cf Feit 2): Xesús de Nazaré, que tanto ben fixera á xente, foi cravado na cruz; mais, resucitado e entronizado á dereita de Deus, enviou o seu Espírito. Esta mensaxe, por ser unha nova que anuncia a salvación, chámase "Evanxeo".*

*Ao proclamar a mensaxe nas comunidades que os Apóstolos van formando, acádase unha tradición evanxélica cos ditos e feitos de Xesús que os Apóstolos testemuñan. Dese xeito, aínda prevalecendo a transmisión oral, vanse formando pequenos relatos, requiridos polas necesidades do culto e da catequese. Moi pronto chegou a confeccionarse o relato da paixón, a sección literaria mellor conservada polos catro evanxelistas, xa que son ben poucas as diferenzas que hai entre os seus traballos.*

*Tendo en conta o que é o Evanxeo, podemos dicir que temos un Evanxeo e catro xeitos de presentación do mesmo. Os tres primeiros, ao ter o mesmo enfoque, chámanse "sinópticos"; o cuarto, en troques, sepárase da liña dos anteriores, polo que se pensa que está inspirado en fontes distintas das utilizadas polos outros tres.*

## 2. O xénero literario "evanxeo"

*Os evanxeos queren anunciar a "Boa Nova" de Xesús a través da narración da súa vida. Isto quere dicir que os evanxelistas non intentaban facer unhas "biografías", senón máis ben espertar e madurecer a fe do lector en Xesús de Nazaré, provocando unha verdadeira conversión da súa vida. De aí que os evanxelistas resalten aqueles aspectos que eles consideraban máis significativos, dentro da súa persoal visión teolóxica, para lograren o efecto pretendido no lector concreto ao que se dirixían e que tan presente tiñan.*

*Naturalmente, as inexactitudes desta "historia kerigmática" non nos poden estrañar, cando os mesmos feitos de hoxe, aínda cunha pretendida obxectividade, son tan diversamente expostos e clarificados polos historiadores contemporáneos. Nós, como crentes, sabemos que o Espírito está tras destes traballos inspirados por Deus para manter e arrequecer a vida cristiá da comunidade.*

## 3. Evanxeos canónicos e evanxeos apócrifos

*Os "apócrifos" intentaron encher as lagoas da vida de Xesús. Con todo, a comunidade cristiá foinos rexeitando, aínda aqueles que non pertencían a grupos disidentes. Máis que nada considerábanos demasiado imaxinativos e pouco verídicos. En troques, a comunidade primitiva foi vendo nos devanditos catro evanxeos, de orixe apostólica, a expresión da súa fe e moi adecuados para a edificación cristiá, polo que os foi empregando nas celebracións litúrxicas, e acabaron sendo considerados "canónicos".*

## 4. O feito sinóptico

*Por presentar unhas características tan semellantes no enfoque, na cronoloxía, no estilo e na concordancia de moitas pasaxes, os evanxeos de Mateo, Marcos e Lucas forman o bloque de "Evanxeos Sinópticos".*

*Os tres presentan as ensinanzas e os feitos realizados por Xesús en Galilea (na bisbarra do lago de Tiberíades) e ao longo dun camiño ata chegar a Xerusalén, onde aconteceran a paixón, a morte e mais a resurrección de Xesús.*

*A dificultade á hora de explicar a razón das semellanzas e diverxencias entre os tres evanxeos sinópticos, fai que teñamos que falar non só do "feito", senón tamén do "problema" sinóptico. No intento de clarexar o que estaba escuro, ata o século XVIII acollíase ben a teoría de Agostiño: cada evanxelista coñecía o que escribiran os anteriores, o que xustificaría tanto as semellanzas coma as diverxencias.*

*Na actualidade gozan de recoñecemento outras teorías:*

*1) Para algúns, o Evanxeo de Marcos e mais outro documento (a Fonte Quelle: Q), independentes entre si e de calquera outro escrito, serían as bases onde se apoiarían o Evanxeo de Mateo e o de Lucas.*

*2) Sen embargo outros rexeitan a idea da total autonomía de Marcos, polo que cómpre pensar:*

*-nunha clara influenza da tradición oral, seguindo a idea de Herder; ou ben*

*-nunha sistematización aramea, que algúns chaman "O Evanxeo dos Doce", de onde beberían todos os evanxelistas; ou*

*-máis ben en diversos escritos parciais, dos que recollerían o material os evanxelistas, mesmo a través doutros, para confeccionar os seus traballos.*

# INTRODUCIÓN AO EVANXEO SEGUNDO MATEO

## 1. Autor e data

*Este evanxeo non semella unha tradución, senón que debeu ser escrito orixinariamente en grego; e o autor, difícil de identificar, puido facer uso da pseudoepigrafía, tan común naquel entón, atribuíndo ao apóstolo Mateo o que el fixera. Tendo en conta as puntualizacións con que se anuncia a caída de Xerusalén e os temas que trata, nos que se amosa un momento xa evolucionado da Igrexa, aberta aos xentís, e unha situación dos xudeus moi mellorada respecto dos anos 70, pódese pensar que o Evanxeo segundo Mateo foi escrito entre os anos 80 e 90.*

## 2. Destinatarios e lugar

*O uso repetido do argumento da Sagrada Escritura e do cumprimento das profecías en Xesús Cristo, fan pensar que os destinatarios eran cristiáns necesitados de argumentos fronte aos xudeus. Esta circunstancia move a moitos a pensar que foi escrito en Antioquía de Siria, na Asia Menor. Alí mesturáranse os cristiáns procedentes do xudaísmo cos que viñeran da xentilidade e mesmo cos xudeus, que tiñan alí ben organizada a sinagoga. A autoridade de Pedro, que era grande en Antioquía, transloce neste evanxeo.*

*A comunidade a quen se dirixe o evanxeo semella formada, pois, por xente cristiá aberta ao xudaísmo, mais enfrontada con el; unha comunidade que busca na doutrina de Xesús uns criterios para a súa vida, e nos discípulos uns exemplos a seguir: unha comunidade organizada, que vive a súa fe nun ambiente hostil.*

## 3. Carácter literario

*O autor emprega moitos vocábulos e procedementos semíticos; o seu estilo é claro, solemne e hierático.*

*Repite abondas veces a expresión "Reino dos Ceos", conforme coa tendencia xudía a non pronunciar o nome de Deus.*

*Recolle moitos ditos de Xesús, que agrupa formando cinco grandes discursos. En troques, é moi moderado na presentación dos feitos.*

## 4. Teoloxía de Mateo

### 4.1. Referente a Xesús

*Xesús é "Fillo de David", aínda que superior ao seu devanceiro (cf **22**, 42-46); Mesías, pero nun sentido sufrinte, distinto do esperado (cf **26**, 63-66); é tamén "Fillo de Abraham" e "Novo Moisés", moi distinto dos doutores da Lei daquel entón; ao longo do evanxeo preséntao o autor como "Fillo de Deus", "Señor resucitado" presente na comunidade, e "Deus connosco" ata o remate dos tempos. Como se indica no nome de Xesús, é "o Salvador" (**1**, 21). As Escrituras cúmprense nel, e El séntese co dereito de ofrecer a interpretación auténtica da Lei. É tamén o xuíz que ha vir xulgar o mundo.*

### 4.2. No tocante ao Reino Deus

*Xesús veu para anuncialo. A presenza de Xesús e mais a súa acción liberadora son o sinal de que o Reino está presente (**12**, 28). Para acadar o Reino cómpre ser coma os nenos (**18**, 1-4) e coma os pobres e os perseguidos (**5**, 3-10), e ser máis xustos ca os escribas e fariseos (**5**, 20).*

*O Reino é coma unha semente (**13**, 31-32a), que se fai grande árbore (**13**, 32b); ou unha leira onde medran xuntos o trigo e mais o xoio ata a fin dos séculos (**13**, 24-30).*

*O Reino ten de ser anunciado a todas as persoas (**28**, 19). Isto deberao facer a Igrexa, constituída pola comunidade dos Doce discípulos, aos que Xesús constituíu herdeiros das doce tribos de Israel, na espera de que dean froitos axeitados ao Reino (**21**, 43).*

### 4.3. As dúas etapas da historia da salvación

*Mateo concrétaas no tempo de Israel –o período que remata coa misión do Bautista– e o tempo da Igrexa. Este, na presentación que fai Mateo, xa comeza nos días de Xesús coa comunidade de discípulos do Mestre.*

## 5. Estrutura

*Simplificando, podemos considerar no Evanxeo segundo Mateo as partes seguintes:*

*–Presentación de Xesús: **1**, 1-**4**, 16.*

*–Xesús anuncia o Reino: **4**, 17-**16**, 20.*

*–Paixón, morte e resurrección de Xesús: **16**, 21-**28**, 20.*

# EVANXEO SEGUNDO MATEO

## NACEMENTO E INFANCIA DE XESÚS

**Xenealoxía de Xesús** (Lc **3**, 23-38)

**1** [1]Libro da xenealoxía de Xesús Cristo, fillo de David, fillo de Abraham. [2]Abraham xerou a Isaac. Isaac xerou a Xacob. Xacob xerou a Xudá e mais os seus irmáns. [3]Xudá, de Tamar, xerou a Peres e mais a Zarán. Peres xerou a Esrón. Esrón xerou a Arán. [4]Arán xerou a Aminadab. Aminadab xerou a Naasón. Naasón xerou a Salmón. [5]Salmón, de Rahab, xerou a Booz. Booz, de Rut, xerou a Obed. Obed xerou a Iexé. [6]Iexé xerou ao rei David.

David, da que foi muller de Urías, xerou a Salomón. [7]Salomón xerou a Roboam. Roboam xerou a Abías. Abías xerou a Asá. [8]Asá xerou a Ioxafat. Ioxafat xerou a Ioram. Ioram xerou a Ozías. [9]Ozías xerou a Ioatán. Ioatán xerou a Acaz. Acaz xerou a Ezequías. [10]Ezequías xerou a Menaxés. Menaxés xerou a Amón. Amón xerou a Ioxías. [11]Ioxías xerou a Ieconías e mais os seus irmáns, en tempos da deportación a Babilonia.

[12]Despois da deportación a Babilonia, Ieconías xerou a Xealtiel. Xealtiel xerou a Zerubabel. [13]Zerubabel xerou a Abiud. Abiud xerou a Eliaquim. Eliaquim xerou a Asor. [14]Asor xerou a Sadoc. Sadoc xerou a Aquim. Aquim xerou a Eliud. [15]Eliud xerou a Elazar. Elazar xerou a Matán. Matán xerou a Xacob. [16]Xacob xerou a Xosé, esposo de María, da que naceu Xesús, chamado Cristo.

[17]Foron, logo, catorce as xeracións desde Abraham ata David, catorce tamén desde David ata a deportación de Babilonia, e catorce desde a deportación de Babilonia ata Cristo.

**Nacemento de Xesús** (Lc **1**, 27-35; **2**, 1-7)

[18]O nacemento de Xesús Cristo foi así: María, súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo. [19]Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. [20]Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle:

–Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. [21]Dará a luz un fillo, e ti poñeraslle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de todos os seus pecados.

[22]Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixera o Señor por boca do profeta:

[23]*Mirade: a virxe concibirá*
*e dará a luz un fillo,*
*e poñeranlle de nome Emmanuel*
(que quere dicir "Deus connosco").

[24]Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo a súa prometida; [25]e sen que a tocase, ela deu a luz un fillo. E el púxolle de nome Xesús.

**Adoración dos magos**

**2** [1]Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de Oriente chegaron a Xerusalén preguntando:

[2]–Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque vimos saír a súa estrela alá no Oriente, e vimos para renderlle homenaxe.

[3]Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. [4]Convocou a todos os sacerdotes e letrados do pobo, para preguntarlles onde tiña que nacer o Mesías. [5]Eles responderon:

–En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta:

**1**, 1 A xenealoxía de Mt, dinástica e legal, remata con Xosé: é un intento de vincular a Xesús con Abraham e David, principais depositarios das promesas mesiánicas. Lucas, máis universalista, vincúlao con Adán, cabeza da humanidade (cf Lc **3**, 38). O autor, baseándose no valor numérico das consoantes hebreas de David (14), fai unha lista de tres grupos de catorce nomes: catorce, ata David; catorce, de David ata o desterro; e catorce, desde o desterro ata Cristo. Pero, como á terceira serie lle faltaba un nome, repite o de Ieconías (tamén chamado Ioaquín). O autor quere indicar dese xeito que Xesús "destila David" por todas partes.

**1**, 3 *Peres*: lit. "Fares", pero o seu verdadeiro nome era o hebreo Peres, que significa "burato, fenda" (cf Xén **38**, 29).

**1**, 21 *Xesús*, en hebreo Iexúa, quere dicir "Iavé salva".

O vocábulo "Cristo", tradución do hebreo "Mesías", significa "unxido", e aplícase no A. T. ao sumo sacerdote e mais aos reis, especialmente ao Mesías, que é o rei por excelencia. No N. T. aplícase exclusivamente a Xesús. Só nalgúns contextos traduciremos Mesías.

**1**, 23 Is **7**, 14.

**2**, 1 A adoración dos Magos ten moita importancia, porque vén ser a epifanía ou manifestación do mesianismo de Xesús aos pagáns, antes que aos xudeus. Estes, mesmo cos datos sobre o seu nacemento, quedan indiferentes. Unha tónica persistente en todo o evanxeo de Mateo.

6 *E ti Belén, terra de Xudea,*
*de ningún xeito es a máis pequena,*
*entre as vilas de Xudea,*
*que de ti ha saír o guía*
*que será o pastor do meu pobo Israel*.
7 Entón Herodes, ás agachadas, chamou
os magos, para informarse ben de cando lles
aparecera a estrela. 8 Logo mandounos a Be-
lén, dicíndolles:
–Ide e informádevos ben do que hai dese
neno; e unha vez que o atopedes, avisádeme,
para ir eu tamén a renderlle homenaxe.
9 Eles, despois de oíren ao rei, puxéronse
en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír
no Oriente foinos guiando ata se deter enriba
de onde estaba o neno. 10 Grande alegría sen-
tiron ao veren saír de novo a estrela.
11 E cando entraron na casa atoparon o
neno con María, súa nai. Prostráronse e ren-
déronlle homenaxe; e, abrindo os seus tesou-
ros, ofrecéronlle como regalo ouro, incenso e
mirra. 12 Logo, avisados en soños de que non
volvesen por onda Herodes, foron para a súa
terra por outro camiño.

**Exilio en Exipto e matanza dos inocentes**

13 En canto se foron, un anxo do Señor apa-
receulle a Xosé en soños e díxolle:
–Érguete, colle o neno e mais a nai e fuxe
para Exipto. Non te movas de alí ata que eu
te avise, porque Herodes vai buscar o neno
para acabar con el.
14 Xosé ergueuse, colleu o neno e mais a
nai, pola noite, e foise para Exipto. 15 Alí per-
maneceu ata a morte de Herodes, cumprín-
dose así o que dixera o Señor por medio do
profeta:
*Chamei o meu fillo para que saíse de*
*Exipto*.
16 Daquela Herodes, decatándose de que
fora burlado polos magos, incomodouse
moito. E, botando contas polos datos dos
magos, mandou matar a todos os nenos de
dous anos para abaixo, de Belén e da bisba-
rra. 17 Daquela cumpriuse tamén o dito polo
profeta Xeremías:
18 *Oíuse un berro en Ramah,*
*choros e moito lamento:*
*é Raquel que chora polos seus fillos,*
*e non se quere consolar*
*porque xa non existen*.

**Volta para Nazaré**

19 En morrendo Herodes, o anxo do Señor
aparecéuselle en soños a Xosé en Exipto 20 e
díxolle:
–Érguete, colle o neno e mais a nai e volve
para a terra de Israel, que xa morreron os que
querían acabar co neno.
21 Ergueuse Xosé, e collendo o neno e mais
a nai, foise para a terra de Israel. 22 Pero, ao
saber que Arquelao reinaba en Xudea, en lu-
gar de seu pai, sentiu medo e non se atreveu a
ir alá. Avisado en soños, marchou para a ban-
da de Galilea, 23 indo vivir a unha vila chama-
da Nazaré. Cumpriuse así o que dixeran os
profetas: que se chamaría nazareno.

## PREPARACIÓN DA PREDICACIÓN DE XESÚS

**Xoán o Bautista** (Mc **1**, 2-8; Lc **3**, 1-18)

**3** 1 Naqueles días apareceu Xoán o Bautista
no deserto, proclamando:
2 –Convertédevos, que xa chega o Reino
dos Ceos.
3 El era de quen dixera o profeta Isaías:
*Unha voz clama no deserto:*
*Preparade o camiño do Señor,*
*endereitade os seus vieiros*.
4 Xoán ía vestido con pelos de camelo e
cun cinguidoiro de coiro no van, e mantíñase
de saltóns e mel bravo. 5 Íalle onda el xente de
Xerusalén, de toda Xudea e mais da banda
do Xordán. 6 Confesaban os seus pecados e
el bautizábaos no Xordán. 7 Como se decata-
ra de que moitos fariseos e saduceos viñan a
que os bautizase, díxolles:
–Raza de víboras! Quen vos ensinou a fu-

**2**, 6 Miq **5**, 1.
**2**, 15 Os **11**, 1.
**2**, 18 Xer **31**, 15. Raquel chora os mortos e deportados polos asirios. Poida que o feito de aplicar este texto de Xer se deba a que Raquel, segundo unha tradición, estaba enterrada preto de Belén.
**3**, 2 *Conversión* (*metánoia*) significa cambio de vida, de mentalidade, conforme a vontade de Deus. Véxase nota a Lc **18**, 14.
**3**, 3 Is **40**, 3.
**3**, 4 Detalles típicos dun profeta (2 Re **1**, 8; Zac **13**, 4).

**3**, 6 O bautismo de Xoán non era máis ca un xeito externo de manifestar o arrepentimento, un símbolo de purificación, aos que tan afeitos estaban os xudeus. Específico de Xoán é, con todo, que era el –ou os seus discípulos– quen bautizaba (nos demais casos era o mesmo suxeito quen se mergullaba na auga). O bautismo cristián, en troques, é un xeito de comuñón de Deus coa persoa "no Espírito Santo", lume "purificador" (cf **3**, 2).
**3**, 7 *Fariseos e saduceos*: véxase Introdución ao N. T., 2.e.1. e 2.e.2.

xir do castigo que está a chegar? [8]Dade froitos dignos dunha verdadeira conversión, [9]e non vos fagades ilusións dicindo entre vós: "Somos fillos de Abraham!", porque vos aseguro que Deus pode sacar fillos de Abraham mesmo destas pedras. [10]Xa está a machada posta contra a raíz das árbores, e toda árbore que non dea froito cortarase e botarase ao lume. [11]Eu bautízovos con auga para que vos convertades. Pero o que vén detrás miña é máis forte ca min, e nin tan sequera son digno de levarlle as sandalias. El havos bautizar co Espírito Santo e con lume. [12]Porque trae a forcada na man, para limpar a súa eira e na hucha recolle o trigo; e ha queimar a palla nun lume que nunca se apaga.

**Bautismo de Xesús** (Mc **1**, 9-11; Lc **3**, 21-22)

[13]Entón apareceu Xesús, que viña desde Galilea ao Xordán, para que Xoán o bautizase. [14]Xoán trataba de impedilo dicindo:

–Como vés ti onda min, se es ti quen me tes que bautizar a min?

[15]Xesús respondeulle:

–Deixa agora, pois cómpre que fagamos o que é xusto.

Xoán accedeu. [16]Tan pronto como foi bautizado, Xesús saíu da auga. E velaí que se abriron os ceos, e viu o Espírito de Deus baixar coma unha pomba ata se pousar enriba del. [17]E oíuse desde o ceo unha voz que dicía:

–Este é o meu fillo benquerido, o predilecto.

**As tentacións** (Mc **1**, 12-13; Lc **4**, 1-13)

**4** [1]Daquela o Espírito conduciu a Xesús ao deserto, para que Satán o tentase. [2]Despois de xaxuar corenta días e corenta noites, acabou por ter fame. [3]O tentador, achegándose a el, díxolle:

–Se es Fillo de Deus, manda que estas pedras se convertan en pan.

[4]Pero el respondeu:

–Está escrito: *Non soamente de pan vive o home, senón de toda palabra saída da boca de Deus*.

[5]Levouno logo o Satán á Cidade Santa, e púxoo na atalaia do templo, [6]dicíndolle:

–Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí embaixo, que está escrito: *Mandará os seus anxos para que te coiden e te leven nas súas mans; e os teus pés non se mancarán nas pedras*.

[7]Xesús respondeu:

–Tamén está escrito: *Non tentarás o Señor, o teu Deus*.

[8]Pero aínda o levou o Satán a un monte moi alto e, mostrándolle os reinos todos do mundo enteiro, cheos de esplendor, [9]díxolle:

–Heiche dar todo isto se te prostras e me adoras.

[10]Entón replicoulle Xesús:

–Arreda, Satanás, porque está escrito: *Só ao Señor, o teu Deus, adorarás, e só a El darás culto*.

[11]Deixouno o Satán, e achegáronse os anxos para o serviren.

**3**, 9 Como a descendencia de Abraham era o obxecto das promesas de Deus, os fariseos e saduceos confiaban de máis nesta salvación "racial" ou de "casta", como a que Xoán ataca.
**3**, 16 *E viu o Espírito de Deus*: aquí igual ca en Mc é Xesús só quen o ve; en Lc e Xn veo tamén o Bautista.
**3**, 17 Frase do profeta Isaías (**42**, 1), que vén mostrarnos a Xesús como un verdadeiro Mesías que evoca ao Servo de Iavé. A comunicación do Espírito significa posesión por Deus; Xesús é, sobre todo, mensaxeiro. No seu bautismo maniféstase dun xeito patente a súa vocación.
**4**, 1 Xesús, para levar adiante o anuncio da Boa Nova, tamén sufriu a tentación de utilizar o poder, a riqueza e mais a sedución. Parece ser que esta posibilidade apareceulle cando empezou a ter éxito entre a xente, e houbo intentos de o faceren líder político. Pero el rexeitou todo camiño que non fose o de total desprendemento e o da pura invitación, como se pode observar ao longo de todos os textos bíblicos.
O deserto ten grandes resonancias bíblicas de proba e camiño cara á terra prometida.
*Satán*: lit. "diabo"; pero esta palabra é pouco usada en galego, e, ademais, carece da forza semántica propia do orixinal, que si ten Satán: personificación individual e principal do demo, inimigo de Deus e da humanidade, de quen é o "acusador". Por outro lado, en hebreo "satán" significa practicamente o mesmo ca no N. T. o grego "diábolos": o libro da Apocalipse chega mesmo a os identificar expresamente (cf Ap **12**, 9; **20**, 2). Usaremos, logo, Satán por "diábolos", reservando Satanás para cando aparece así literalmente no orixinal; o mesmo ca Belcebú por "Beelzebul".
*Demoño*: empregarémolo nos demais casos ("daimonion" no orixinal); e "demo" ("daimon") no único caso en que aparece (**8**, 31), e nas expresións "ter o demo".
**4**, 2 *Corenta días* é un número simbólico. *O xaxún* significa un acto de desprendemento polo que o penitente bíblico manifesta o seu achegamento sincero a Deus.
**4**, 3 *Fillo de Deus*: este texto, coma outros semellantes, non significa de por si unha filiación divina en sentido estrito. Así, aplícase tamén aos anxos (Xob **1**, 6), ao pobo elixido (Ex **2**, 22), etc. Naturalmente, hai textos que pretenden mostrar a filiación estrita, como Mt **11**, 27; Lc **10**, 22; Xn **20**, 27..., onde se establecen unhas relacións tan íntimas, que non se explican doutro xeito. Non sempre resulta doado distinguir as palabras auténticas de Xesús, da interpretación teolóxica da comunidade.
**4**, 4 Dt **8**, 3.
**4**, 6 Sal **91**, 11-12.
**4**, 7 Dt **6**, 16.
**4**, 10 Dt **6**, 13.
**4**, 11 A vitoria sobre Satán indica o inicio do tempo da salvación.

**A Boa Nova** (Mc **1**, 14-15; Lc **4**, 14-15)

12Cando soubo Xesús que encadearan a
Xoán, retirouse a Galilea. 13Deixando Naza-
ré, foise establecer en Cafarnaúm, na beira
do mar, en terras de Zebulón e Naftalí, 14para
que se cumprise o dito polo profeta Isaías:
15*Terra de Zebulón, terra de Naftalí,*
*camiño do mar na outra ribeira*
*do Xordán,*
*Galilea dos pagáns.*
16*O pobo que xacía na escuridade*
*viu unha gran luz;*
*para os que habitaban*
*no escuro país da morte*
*brillou unha alborada.*
17E desde aquela empezou Xesús a predi-
car, dicindo:
—Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos
xa está aí.

**Os primeiros discípulos** (Mc **1,** 16-20; Lc **5**, 1-11)

18Camiñando pola ribeira do mar de Ga-
lilea, viu a dous irmáns: Simón, tamén cha-
mado Pedro, e André; os dous, que eran pes-
cadores, estaban largando o aparello no mar.
19Díxolles:
—Vide comigo, e fareivos pescadores de
homes.
20Eles deixaron decontado o aparello,
e seguírono. 21Máis adiante atopou outros
dous irmáns: Santiago e mais Xoán, fillos de
Zebedeo, que estaban con seu pai na barca
arranxando o aparello. Tamén os chamou, e
22eles coa mesma deixaron a barca e mais a
seu pai e seguírono.
23Xesús percorría a Galilea enteira ensi-
nando nas sinagogas e anunciando a Boa
Nova do Reino, curando canta doenza pa-
decía o pobo. 24Falábase del en toda Siria e
traíanlle enfermos con toda clase de doenzas
e padecementos, endemoñados, epilépticos,
tolleitos; e a todos curaba. 25Eran moitos os
que o seguían, un mundo de xente chegada
da Galilea, Decápolis, Xerusalén, Xudea e da
outra banda do Xordán.

**Anuncio da verdadeira dita** (Mc **9,** 50; Lc **6**, 20-23)

**5** 1Vendo Xesús a multitude, subiu ao monte
e sentou. Achegáronselle os seus discí-
pulos, 2e el, tomando a palabra, ensináballes
dicindo:
3 Ditosos os que teñen espírito de pobres,
porque deles é o Reino dos Ceos.
4 Ditosos os que choran,
porque eles serán consolados.
5 Ditosos os non violentos,
porque eles herdarán a terra.
6 Ditosos os famentos e sedentos de xustiza,
porque eles ficarán fartos.
7 Ditosos os misericordiosos,
porque eles acadarán a misericordia.
8 Ditosos os de corazón limpo,
porque eles verán a Deus.
9 Ditosos os que traballan pola paz
porque eles serán chamados fillos de Deus.
10 Ditosos os perseguidos
por causa da xustiza,
porque deles é o Reino dos Ceos.
11Ditosos vós cando vos aldraxen, persi-
gan e calumnien de calquera xeito pola miña
causa: 12alegrádevos e reloucade, porque
grande será a vosa recompensa nos Ceos; do
mesmo xeito perseguiron aos profetas ante-
riores a vós.

**4**, 16 Is **8**, 23; **9**, 1.
**4**, 17 *O Reino dos Ceos* era para os xudeus o señorío de Deus sobre Israel no tempo presente e, ao final, sobre todos os pobos. Xesús proclama que "xa está en medio de vós" (Lc **17**, 20). O Reino está plenamente vinculado a Xesús, á "súa causa" (Lc **18**, 29), ao "seu nome" (**19**, 29). As outras características descóbrense tanto nos ditos (Sermón do monte, parábolas...) coma nos feitos (curacións...) de Xesús.
**4**, 23 *Anunciar a Boa Nova* é o equivalente a evanxelizar. A Boa Nova é a chegada do Reino; e as curacións son un sinal do cumprimento das promesas mesiánicas (**11**, 4).
*As sinagogas* eran os lugares de reunión para ler e comentar as Escrituras.
**5**, 1 Todo o Sermón do monte vén ser seguramente unha "didaxé" ou ensino cristián, que seguía á proclamación do "kerygma" e mais ao bautismo. Aínda que non é un código completo, parece ser unha formulación que, segundo Mateo e mais as fontes, era a máis oportuna.
**5**, 2 *As benaventuranzas* representan un auténtico programa do que é o Reino, que se completa en xeral con todo o "Sermón do monte". Este sermón comprende cinco grandes temas: 1) O espírito que debe animar aos fillos do Reino. 2) Como debe entenderse o cumprimento das leis xudías. 3) O desprendemento das riquezas. 4) Relacións co próximo. 5) Pertencer ao Reino supón unha praxe.
**5**, 3 *Os que teñen espírito de pobres:* Mt, a diferenza de Lc **6**, 20, non di soamente "pobres", senón "pobres no espírito", nun sentido esencialmente relixioso, é dicir: os mendigos de Deus, e mesmo os que "optan" por ser pobres (cf Mt **6**, 24). Pero Mt, en **11**, 5, fala dos pobres en sentido máis amplo, tal como Xesús lle debeu dar ao falar de que "anúnciase a Boa Nova aos pobres" segundo cita de Is **61**, 1; os pobres, ou sexa todos os famentos, oprimidos, aflixidos, etc., son os "máis pequenos" dos seus irmáns, os seus preferidos (**25**, 31-46). Non esquezamos que Mt falou contra a autosuficiencia (véxase nota a Lc **6**, 20) relixiosa dos fariseos, mentres Lc o fai para unha Igrexa oprimida, que precisa consolo.
**5**, 10 *Xustiza* débese entender como fidelidade a Deus. Home "xusto" é, no ámbito da Biblia, o home fiel a Deus. Claro que se, como sabemos por boca do mesmo Xesús (**6**, 24), amar o próximo vai unido ao amor de Deus, a xustiza fraternal é necesaria para ser fiel a Deus (**25**, 31-46).

**Sal da terra, luz do mundo** (Mc **4**, 21; **9**, 50; Lc **11**, 33-36)

13Vós sodes o sal da terra. Pero se o sal
se volve insulso, con que se vai salgar? Para
nada vale xa, senón para tirar con el e que o
pise a xente.
14Vós sodes a luz do mundo. Non se pode
acochar unha cidade afincada na cima dun
monte. 15Tampouco se acende unha lámpada
para poñela debaixo do modio, senón sobre o
candeeiro, para que alume a todos os da casa.
16Alume así a vosa luz aos homes, para que,
vendo as vosas boas obras, glorifiquen a voso
Pai que está nos Ceos.

**Nova interpretación da Lei**

17Non pensedes que vin derrogar a Lei e
os Profetas; non vin para derrogar, senón
para dar cumprimento. 18Porque vos asegu-
ro: mentres non pasen o ceo e mais a terra
non pasará nin unha letra nin un til da Lei
ata que todo se cumpra. 19E quen falte a un
destes mandamentos máis pequenos e así lle-
lo ensine a facer aos outros, será declarado o
máis pequeno no Reino dos Ceos; pero quen
os cumpra e ensine será declarado grande no
Reino dos Ceos. 20Porque vos aseguro que se
a vosa xustiza non é maior que a dos letrados
e fariseos, non entraredes no Reino dos Ceos.

**A ira**

21Tedes oído que se lles dixo aos vosos
devanceiros: *Non matarás*, e quen mate será
reo ante o tribunal. 22Mais eu dígovos: Todo
o que se enrabeche con seu irmán será reo
ante o tribunal; quen o alcume será reo ante o
Sanedrín; e quen o aldraxe será reo do lume
do inferno.
23Se ao presentar a túa ofrenda no altar te
acordas entón de que teu irmán ten queixas
contra ti, 24pousa a ofrenda alí mesmo, dian-
te do altar, vaite primeiro reconciliar con teu
irmán, e logo volve a presentar a túa ofrenda.
25Ponte de acordo, canto antes, co teu prei-
teante mentres ides de camiño; non sexa que
te entregue ao xuíz, o xuíz ao garda, e te me-
tan na cadea. 26Ten por seguro que non sai-
rás de alí ata que deas pagado o derradeiro
céntimo.

**O adulterio** (**18**, 8-9; Mc **9**, 43-49)

27Tedes oído que foi dito: *Non cometerás
adulterio*. 28Pois eu dígovos: Todo aquel que
mira a unha muller casada con desexo, xa co-
meteu adulterio no seu corazón.
29Se o teu ollo dereito che é ocasión de pe-
cado, arríncao e tira con el: que máis che vale
que se perda un dos teus membros e non que
te boten todo enteiro no inferno. 30Se a túa
man dereita che é ocasión de pecado, córtaa
e tira con ela lonxe de ti: que máis che vale
que se perda un dos teus membros e non que
te boten todo enteiro no inferno.

**O repudio** (**19**, 9; Mc **10**, 11-12; Lc **16**, 18)

31Ténsevos dito: *Quen repudie a súa mu-
ller, déalle acta de repudio*. 32Pero eu dígovos:
Todo o que repudia a súa muller, fóra o caso
de estaren malvivindo, expona a ser adúltera;
e o que case cunha repudiada comete adulterio.

**O xuramento**

33Tamén tedes oído que se lles dixo aos de-
vanceiros: *Non xurarás en falso, e cumprirás
as promesas feitas con xuramento ao Señor*.
34Pero eu dígovos: Non xuredes nunca; nin
polo ceo, que é o trono de Deus; 35nin pola
terra, porque é escano para os seus pés; nin
por Xerusalén, que é a cidade do gran Rei.
36Tampouco xures pola túa cabeza, porque
nin sequera lle podes virar branco ou negro
un só cabelo. 37Falade, logo, deste xeito:
"Si", cando é si; "Non", cando é non; e todo
o que pase de aí vén do Malo.

**A vinganza** (Lc **6,** 29-30)

38Tedes oído que se vos dixo: *Ollo por ollo
e dente por dente*. 39Mais eu dígovos: non
volvades mal por mal. Ao contrario, se al-
guén che dá un lapote na túa meixela dereita,

**5**, 15 *Modio:* medida romana para áridos; caixón desa medida.
**5**, 17 *Dar cumprimento*: non só perfeccionar. Os libros da Antiga Alianza son un camiño para a Nova Lei, a da Nova Alianza, que se vén condensar no amor total e sen condicións.
**5**, 21 Éx **20**, 13.
**5**, 22 *Sanedrín*: Consello de 71 membros, con sede en Xerusalén, distinto dos simples tribunais (de vinte e tres membros), dos que había máis polo país. Máximo organismo de Israel (cf Introd. ao N. T., 2.a).
*Inferno* (lit. "guehenna"): val profundo, ao sur de Xerusalén, apto para significar o sitio dos castigos extraterreos. Queda tamén ben clara a actitude cristiá ante a ofensa de calquera tipo.
**5**, 27 Éx **20**, 14.
**5**, 28 *Muller casada:* lit. "muller", pero no sentido de muller casada.
**5**, 31 Dt **24**, 1.
**5**, 32 *Malvivindo*: lit. "en caso de impudicia" ("porneia"). Pode significar: a) unión ilegal (cf Lev **18**, 6-18); b) adulterio; c) algo vergoñento. A afirmación orixinal de Xesús foi, con seguridade, de tipo absoluto, excluíndo todo repudio. Mt acomoda o texto a unha situación nova. En todo caso, a énfase está na indisolubilidade fundamental do matrimonio, cousa que debe asumir o cristián.

preséntalle a outra; [40]a quen queira preitear contigo e che leve a túnica, déixalle ir tamén o manto; [41]a quen te obrigue a camiñar con el unha milla, acompáñao dúas. [42]A quen che pide, dálle; e non te vires de costas a quen che pida emprestado.

**Amor aos inimigos** (Lc **6**, 27-28. 32-36)

[43]Tedes oído que se vos dixo: *Amarás o teu próximo e aborrecerás o teu inimigo*. [44]Pero eu dígovos: amade os vosos inimigos e pregade polos que vos perseguen. [45]Así seredes fillos de voso Pai que está no ceo, que fai saír o seu sol sobre malos e bos, e chover sobre xustos e inxustos. [46]Porque, se amades os que vos aman, que recompensa ides ter? Non fan o mesmo os recadadores de impostos? [47]E se saudades soamente a vosos irmáns, que facedes de máis? Non fan outro tanto os pagáns? [48]Daquela sede bos sen exclusivismos, como o voso Pai celestial é totalmente bo.

**A esmola**

**6** [1]Tede coidado de non practicar a vosa xustiza para que vos vexa a xente, que daquela o voso Pai celestial non vos dará recompensa ningunha. [2]Cando deas unha esmola non o vaias proclamando diante de ti cunha trompeta, como fan os hipócritas nas sinagogas e nos rueiros para seren loados polos homes; asegúrovos que xa recibiron a súa recompensa. [3]Ti, en troques, cando deas unha esmola, que non saiba a túa man esquerda o que fai a dereita. [4]Así a esmola será secreta; e teu Pai, que ve o segredo, xa te recompensará.

**Sobre a oración** (Lc **11**, 2-24)

[5]Cando recedes non fagades coma os hipócritas, que gustan de rezar moi ergueitos nas sinagogas e nos recantos das rúas para que os vexa a xente; asegúrovos que tamén recibiron a súa recompensa. [6]Ti, pola contra, cando queiras rezar, métete no teu cuarto, pecha a porta e rézalle a teu Pai que está no segredo; e teu Pai, que ve no segredo, hate recompensar. [7]E cando vos poñades a rezar, non sexades lingoreteiros coma os pagáns. Botan de conta que os van escoitar polo moito falar. [8]Non sexades coma eles, porque voso Pai ben sabe o que precisades xa antes de que llo pidades. [9]Vós, rezade así:

Noso Pai que estás no ceo,
santificado sexa o teu nome;
[10]veña o teu Reino,
fágase a túa vontade
así na terra coma no ceo.
[11]Dános hoxe o noso pan de cada día.
[12]E perdoa as nosas débedas
como tamén nós perdoamos xa
aos nosos debedores.
[13]E non nos sometas á tentación,
mais líbranos do Malo.

[14]Porque se vós perdoades aos outros as ofensas que vos fan, tamén voso Pai celestial perdoará as vosas; [15]pero se non perdoades aos outros, voso Pai celestial tampouco non perdoará as vosas ofensas.

**O xaxún**

[16]Cando xaxuedes non poñades caras tristeiras, como fan os hipócritas: desfiguran as súas caras para que a xente llelo note. Asegúrovos que xa recibiron a súa recompensa. [17]Ti, en troques, cando xaxúes, perfuma a cabeza e lava a cara, [18]para que non se che note ante os homes, senón ante teu Pai celestial; e teu Pai, que ve o que está escondido, hate recompensar.

**6**, 1 *Xustiza*: designa as prácticas fundamentais da relixión de Israel: a esmola, a oración e o xaxún. Xesús estase dirixindo máis que nada contra o exhibicionismo dos fariseos e chama ás verdadeiras actitudes relixiosas e fraternais.
Xesús oraba no marco litúrxico xudeu, que estaba moi regrado. Pero tamén moito en solitario, centrándose plenamente en Deus; e incluso fóra das formas litúrxicas sacras, para empregar a súa lingua materna (**15**, 34), situándose no medio da vida.
**6**, 9 O *Noso-Pai*, é sobre todo, unha petición do Reino no medio das probas.
*Pai*: velaí a gran novidade cristiá no xeito de expresar a relación con Deus. Tal novidade chamou poderosamente a atención dos xudeus. Ademais a palabra usada por Xesús é "Abbá», que implica unha especial intimidade e confianza infantil. Teriámolo que traducir por Papá. Era ademais tan profundo este trato, que o mesmo Xesús recomendou non abusar desta palabra referíndose a outras persoas (**23**, 9).
O *ser fillos* ofrece a confianza en participar na salvación futura do Reino (Lc **12**, 32), porque é vontade de Deus que ningún dos pequenos se perda (**18**, 10-14).
Tamén ofrece folgura no medio da vida, porque o Pai ben sabe o que precisan os fillos (**6**, 32), aínda nas circunstancias máis imprevisibles e máis irreparables, coma o sufrimento e a morte, pois nin un pardal cae ao chan sen o consentimento do Pai (**10**, 29).
**6**, 11 *De cada día*. Tradución difícil. Tamén cabe traducir "de mañá", "de hoxe", "que precisamos"... Os Pais da Igrexa tamén o aplicaron ao pan eucarístico. Desde logo, pídese só o necesario para vivir, non a acumulación ambiciosa ou egoísta de bens. Como fixo co maná no deserto (Éx **16**), Deus dará cada día o pan que precisamos.
**6**, 12 *Débedas*, no sentido de débeda material, pero tamén, aquí, de pecado. Xesús uniu sempre os nosos deberes con Deus e co próximo; así tamén o perdón.
**6**, 13 Sete peticións. Mateo utiliza moito o número sete. Así: dúas veces sete xenealoxías en **1**, 17; perdoar setenta e sete veces, en **18**, 22; sete parábolas no c. **13**.

**O verdadeiro tesouro** (Lc **12**, 33-34)

19Non amoreedes tesouros na terra, onde
a traza e mais a ferruxe acaban con eles, e
os ladróns asaltan as casas para roubalos.
20Amoreade tesouros no ceo, onde non hai
traza nin ferruxe que acaben con eles, nin
ladróns que asalten e os rouben. 21Que onde
está o teu tesouro está o teu corazón.

**A luz do corpo** (Lc **11**, 34-36)

22A luz do corpo é o ollo. Se o teu ollo está
san, todo o teu corpo estará alumado; 23pero
se o teu ollo está malo, todo o teu corpo es-
tará na escuridade. E se a luz que hai en ti é
escuridade, canta escuridade!

**Deus e o diñeiro** (Lc 1**6**, 13)

24Ninguén pode servir a dous amos, por-
que ou lle ten lei a un e xenreira a outro, ou
ben atende a un e menospreza ao outro. Non
podedes servir a Deus e mais o diñeiro.

**A Providencia** (Lc **12**, 22-31)

25Por iso dígovos: non andedes agoniados
pola vosa vida (o que ides comer, o que ides
beber), nin polo voso corpo (o que ides ves-
tir). Non vale máis a vosa vida ca a mantenza,
e non vale máis o voso corpo ca o vestido?
26Ollade para as aves do ceo: nin sementan,
nin segan, nin recollen nas arcas e, con
todo, son mantidas polo voso Pai celestial.
Non valedes vós máis ca elas? 27E quen de
vós, por máis que se angustie, pode engadir
un anaco máis ao tempo da súa vida?
28E polo vestido por que vos angustiades?
Aprendede dos lirios do campo: como me-
dran, e non traballan nin fían. 29E asegúrovos
que nin Salomón en toda a súa gloria se che-
gou a vestir coma un deles. 30Pois se á herba
do campo, que hoxe verdea e mañá será bota-
da ao forno, Deus así a viste, canto máis non
fará por vós, homes de pouca fe?
31Non andedes angustiados, dicindo: "Que
imos comer?", ou "que imos beber?", ou "que
imos vestir?". 32Por todas esas cousas andan
angustiados os pagáns; e ben sabe voso Pai
celestial que as precisades. 33Procurade pri-
meiro o Reino de Deus e mais a súa xustiza,
e todas esas cousas hánsevos dar de máis a
máis. 34Así que non vos angustiedes polo de
mañá: mañá xa traerá a súa angueira. Cada
día ten abondo cos seus pesares.

**Non xulgar aos demais** (Lc **6**, 37-38. 41-42)

**7** 1Non xulguedes para que non vos xulguen
a vós. 2Porque co xuízo que xulguedes
hanvos xulgar a vós, e coa medida coa que
midades hanvos medir a vós. 3Por que repa-
ras no lixo que hai no ollo de teu irmán e non
te decatas da trabe que hai no teu? 4E, como
lle vas dicir a teu irmán: "Deixa que che qui-
te o lixo que tes no ollo", tendo ti unha trabe
no teu? 5Hipócrita! Quita primeiro a trabe do
teu ollo e logo verás mellor para quitar o lixo
do ollo de teu irmán.
6Non deades o sagrado aos cans nin lle
botedes as vosas perlas aos porcos; non sexa
que as esmaguen cos pés, e, virándose contra
vós, vos esnaquicen.

**Perseverar na oración** (Lc **11**, 9-13)

7Pedide e recibiredes, buscade e atopare-
des, petade e abrirásevos. 8Pois quen pide, re-
cibe; quen busca, atopa; e a quen peta, abrirá-
selle. 9Ou é que hai alguén entre vós que, se o
seu fillo lle pide pan, lle dá unha pedra? 10Ou,
se lle pide un peixe, lle dá unha cobra? 11Pois
se vós, que sodes ruíns, ben sabedes darlles
cousas boas aos vosos fillos, canto máis voso
Pai celestial llelas dará aos que llas pidan?
12Así que tratade á xente en todo conforme
queredes que vos traten a vós, porque esta é a
Lei e mais os Profetas.

**A porta estreita** (Lc **13**, 24)

13Entrade pola porta estreita. Porque ancha é
a porta e espazoso o camiño que leva á perdi-
ción, e son moitos os que entran por el. 14Pero
que estreita é a porta e que apertado o camiño
que levan á vida, e que poucos dan con eles!

**A árbore coñécese polos froitos** (Lc **6**, 43-44)

15Gardádevos dos falsos profetas que ve-
ñen onda vós con aparencia de ovellas, pero
no fondo non son máis ca lobos raspiñeiros!
16Polos seus froitos coñecerédelos. Ou é que
se recollen uvas dos espiños ou figos dos
abrollos? 17Así, toda árbore de boa caste pro-
duce froitos xeitosos, e toda árbore de mala
caste produce froitos ruíns. 18Non pode unha
árbore boa producir froitos ruíns, nin unha ár-
bore ruín producir froitos de calidade. 19Toda
árbore que non produce froitos bos, córtase e
bótase no lume. 20Así que polos seus froitos é
como os coñeceredes.

**7**, 6 Seguramente alude aos manxares ofrecidos no templo (cf Éx **22**, 30; Lev **22**). O mesmo ca eles, a doutrina santa non se debe dar a aqueles que a van rexeitar.
**7**, 13 O tema da *porta* e do dobre *camiño* –o da perdición e o da vida– responde ao esquema clásico das dúas vías. No A. T. está vinculado á liturxia da renovación da Alianza (Dt **30**, 15-20), de onde pasou á literatura sapiencial e ao N. T. (Feit **14**, 22).
**7**, 15 Cf **24**, 4 ss.

**A falsa piedade** (Lc **6,** 46; **13**, 25-27)

21Non todo o que me di: "Señor! Señor!",
entrará no Reino dos Ceos, senón o que fai
a vontade do meu Pai celestial. 22Moitos
hanme dicir naquel día: "Señor! Señor!, non
profetizamos no teu nome, non botamos os
demos fóra no teu nome, e no teu nome non
fixemos moitos milagres?". 23Pero daquela
eu heilles dicir abertamente: "Endexamais
non vos coñecín: arredádevos de min os que
practicades o mal!".

**A piedade auténtica** (Lc **6**, 47-49)

24Así pois, todo aquel que escoita as mi-
ñas palabras e as pon en práctica será coma
o home asisado que edificou a súa casa sobre
rocha. 25Caeu a chuvia, veu a riada, bruou o
vendaval batendo na casa; pero non se derru-
bou porque estaba asentada na rocha. 26Mais
todo o que escoita as miñas palabras e non as
leva á práctica, pórtase coma un tolambrón
que edificou a súa casa sobre area. 27Caeu a
chuvia, veu a riada, bruou o vendaval, e ba-
tendo na casa derrubouna, sendo grande a
desfeita.

28E resulta que, rematando o seu discurso,
a xente quedou sorprendida pola súa doutri-
na, 29porque lles ensinaba con autoridade e
non coma os letrados.

**Curación dun gafo** (Mc **1**, 40-45; Lc **5**, 12-16)

**8** 1Cando Xesús baixou do monte foino
seguindo moita xente. 2E nestas achegou-
se a el un gafo, que se prostrou ante el e díxo-
lle:

–Señor, con só que queiras, pódesme limpar.

3El estendeu a man e tocouno, dicindo:

–Quero, queda limpo.

E, coa mesma, quedou limpo da lepra. 4E
díxolle Xesús:

–Mira, non digas nada; pero vai, preséntate ao sacerdote, e ofrece o donativo que prescribiu Moisés, para que lles sirva de testemuño.

**A fe do centurión** (Lc 7, 2-10; Xn 4, 46-54)

5Ao entrar en Cafarnaúm achegóuselle un
centurión que lle suplicou 6dicindo:

–Señor, o meu criado xace tolleito na casa e padece moito.

7Díxolle Xesús:

–Eu irei e curareino.

8Replicoulle o centurión:

–Señor, non son merecente de que entres baixo o meu teito, abonda cunha palabra túa para que o meu criado cure. 9Que eu, aínda que son un subordinado, tamén teño homes baixo as miñas ordes; e dígolle a este: "Vai", e vai; a aqueloutro: "Ven", e vén; e ao meu criado: "Fai isto", e faino.

10A Xesús chamoulle moito a atención oír aquilo, e díxolles aos que o seguían:

–Asegúrovos que non atopei a ninguén cunha fe tan grande en todo Israel. 11E dígovos que moitos de oriente e mais de occidente virán sentar na mesa de Abraham, Isaac e Xacob, no Reino dos Ceos. 12Pero aos fillos do Reino botaranos para fóra, á escuridade; alí será o pranto e o triscar os dentes.

13E Xesús díxolle ao centurión:

–Vaite, que se cumpra segundo a túa fe.

E naquela hora curou o criado.

**Outras curacións** (Mc **1**, 29-34; Lc **4**, 38-41)

14En chegando Xesús á casa de Pedro ato-
pou á sogra deste deitada con febre. 15Colleu-
na da man e fóiselle a febre. Ela ergueuse e
púxose a servilo.

16Contra a tardiña leváronlle moitos en-
demoñados, e coa súa palabra botoulles fóra
os espíritos e curou os enfermos todos. 17Así
cumpriuse o que deixara dito o profeta Isaías:

*Apandou coas nosas doenzas*
*e cargou coas nosas enfermidades.*

**O seguimento de Xesús** (Lc **9**, 57-62)

18Vendo Xesús que o rodeaba un mundo de
xente, ordenou pasar para a outra banda. 19E
achegándose a el un letrado, díxolle:

–Mestre, seguireite vaias a onde vaias.

20Respondeulle Xesús:

**8**, 4 Nun ambiente sociolóxico tan sacralizado, consideraban o gafo como pecador, máis que como enfermo. De aí que debese ir ao templo, para ser alí rehabilitado. Teñamos en conta que "lepra" se refire no N. T. a enfermidades da pel, de carácter deforme, que non sempre coinciden co que hoxe se entende por lepra.

**8**, 11 *Sentar á mesa ou banquete*: símbolo de liberación mesiánica, que arrinca de Is **26**, 29 (cf Mt **22**, 2-14; Lc **14**, 15). Tamén é moi usado na literatura apocalíptica e nos escritos de Qumrân.

**8**, 12 *Os fillos do Reino*: refírese aos xudeus, os primeiros chamados.

**8**, 17 Is **53**, 5.

**8**, 20 *Fillo do Home*: título mesiánico que Xesús parece ter empregado moito. Por non ser popular, estaba libre das contaminacións mesiánicas contemporáneas. Por iso probablemente Xesús empregouno de ordinario no senso de Servo Sufrinte, para non identificar o seu mesianismo coas estampas en voga. Utilizouno tamén nalgún caso para referirse á súa gloria, conforme se pode ver ao longo dos Evanxeos. A expresión fora xa empregada por Dn **7**, 13 (aínda que en sentido colectivo) e mais no libro de Henoc (extrabíblico) como figura sobrehumana.

–As raposas teñen tobeiras e os paxaros niños, pero o Fillo do Home non ten onde pousar a cabeza.

21Outro dos seus discípulos díxolle:

–Señor, deixa que vaia primeiro enterrar a meu pai.

22Xesús respondeulle:

–Ti sígueme e deixa que os mortos enterren aos seus mortos.

**Temporal no mar** (Mc **4**, 35-41; Lc **8**, 22-25)

23Subiu á barca, e seguírono os seus discípulos. 24De súpeto levantouse tan grande temporal no mar que as ondas tapaban a barca; pero el durmía. 25Os discípulos fórono espertar, exclamando:

–Señor, sálvanos que afogamos!

26El díxolles:

–Por que vos acovardades, homes de pouca fe?

E poñéndose de pé increpou os ventos e mais o mar, e veu unha grande calma. 27Os homes, abraiados, dicían:

–Quen será este que mesmo os ventos e mais o mar lle fan caso?

**Os endemoñados de Gadara** (Mc **5**, 1-20; Lc **8**, 26-39)

28En chegando á outra banda do mar, ao país de Gadara, saíronlle ao camiño desde uns sepulcros dous endemoñados, tan asañados que ninguén se atrevía a pasar por alí. 29E berrando dicían:

–Que temos que ver contigo, Fillo de Deus? Seica vés para nos atormentares antes de tempo?

30Había lonxe de alí unha boa camada de porcos fozando, 31e os demos rogáronlle:

–Se nos botas, mándanos para o fato de porcos.

32El díxolles:

–Ide.

Saíron, e fóronse para os porcos, que, guindándose barranco abaixo, foron dar ao mar, onde morreron afogados. 33Os porqueiros, fuxindo, chegaron á vila e contaron todo, mesmo o dos endemoñados. 34E toda a vila saíu ao encontro de Xesús. E cando o atoparon, pedíronlle que abandonase aquela terra.

**Curación dun paralítico** (Mc **2**, 1-12; Lc **5**, 17-26)

**9** 1Subiu a unha barca, cruzou para a outra banda e chegou á súa vila. 2Nisto trouxéronlle un tolleito nunha padiola. Vendo a fe que tiñan, díxolle ao tolleito:

–Ánimo, meu fillo! Quédanche perdoados os teus pecados.

3Entón algúns letrados dixeron para si:

–Este home blasfema.

4Coñecendo Xesús o que pensaban, díxolles:

–Que cavilades nos vosos adentros? 5Que é máis fácil, dicir: "Perdoados quedan os teus pecados"; ou dicir: "Érguete e anda"? 6Pois para que vexades que o Fillo do Home ten poder na terra para perdoar pecados: Érguete –díxolle ao tolleito–, colle a padiola, e vai para a casa.

7E erguéndose foise para a súa casa. 8Vendo isto a xente, asombrouse e glorificaban a Deus por lles dar tal poder aos homes.

**Vocación de Mateo** (Mc **2**, 13-17; Lc **5**, 27-32)

9Ao pasar Xesús por alí viu un home, chamado Mateo, sentado no telonio de recadación dos tributos, e díxolle:

–Sígueme.

El ergueuse e seguiuno. 10E resulta que, estando á mesa na casa, viñeron moitos recadadores e pecadores, e puxéronse tamén á mesa con Xesús e mais os seus discípulos. 11Cando tal viron os fariseos, dixéronlle aos discípulos del:

–Como é que o voso Mestre está a comer con recadadores e pecadores?

12El oíunos e díxolles: –Non son os sans senón os enfermos os que precisan de médico. 13Ide, pois, aprender o que significa aquilo de *misericordia quero e non sacrificios*. Porque non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores.

**O xaxún** (Mc **2**, 18-22; Lc **5**, 33-39)

14Entón achegáronselle os discípulos de Xoán preguntando:

–Nós e mais os fariseos gardamos moito o xaxún. Por que non o gardan os teus discípulos?

**8**, 22 *Que os mortos enterren aos seus mortos* é unha expresión proverbial, que permite darlle máis forza a *ti sígueme.*

**8**, 23 Cf nota a Mc **4**, 36.

**8**, 29 *Antes de tempo*: refírese ao tempo do xuízo definitivo (Ap **9**, 5).

**8**, 32 Cf nota a Mc **15**, 13.

**9**, 9 *Mateo* era un publicano, recadador de impostos. No tocante a estes, véxase Introdución ao N. T., 2.a.

**9**, 11 Mesturarse cos *recadadores*, política e administrativamente colaboracionistas coa potencia colonizadora, e relixiosamente marxinados, era moi mal visto, sobre todo polos fariseos, que se consideraban totalmente puros.

**9**, 13 Os **6**, 6.

15Respondeulles Xesús:
–Poden os compañeiros do esposo estar de loito mentres dura a voda? Xa chegará o día no que lles leven o esposo; entón si que xaxuarán. 16Ninguén lle bota un remendo de pano aínda sen remollar a un vestido vello, pois o novo tiraría polo vello e a rachadura faríase máis grande. 17Tampouco se lle ocorre a ninguén botar viño novo en pelellos vellos, porque rebentan os pelellos, derrámase o viño e estráganse os pelellos; pola contra bótase o viño novo en pelellos novos para que ambos os dous se conserven.

**A filla de Xairo e a muller con hemorraxias** (Mc **5**, 21-43; Lc **8**, 40-56)

18Mentres Xesús lles dicía estas cousas, velaí apareceu un xefe que, prostrándose ante el, rogáballe:
–A miña filla acaba de morrer. Ven, impón a túa man sobre ela e vivirá.
19Erguéndose Xesús, seguiuno cos seus discípulos. 20Nisto unha muller que padecía hemorraxias desde había doce anos, achegándose por detrás, tocoulle a orla do seu manto, 21falando para si: "Se lle dou tocado a roupa, xa curo". 22Xesús virouse, e ao vela díxolle:
–Ánimo, filla, a túa fe sandoute!
E desde aquel instante a muller quedou sa.
23Ao chegar Xesús á casa do xefe, vendo os frautistas e mais o barullo da xente, 24dixo:
–Apartade, que a rapaciña non está morta: a rapaza dorme.
A xente facía risa del. 25Pero el, en botando para fóra a xente toda, entrou e colleu a rapaza pola man. E ela ergueuse. 26A noticia espallouse por toda a redonda.

**Curación dos cegos** (**20**, 29-34)

27Cando saíu Xesús de alí, fórono seguindo dous cegos que berraban:
–Fillo de David, ten dó de nós.
28E ao entrar na súa casa, os cegos achegáronselle. Preguntoulles Xesús:
–E vós credes que eu podo facer iso?
Responderon:
–Cremos.
29Entón tocoulles os ollos, dicindo:
–Fágase conforme a vosa fe.
30E abríronselles os ollos. Logo avisounos moi serio:
–Mirade que non o saiba ninguén!
31Pero, mal se foron, déronlle unha grande sona por toda aquela terra.

**Curación dun mudo** (Lc **11**, 14-15)

32Ao que se foron os cegos, presentáronlle un mudo endemoñado. 33E así que lle botou o demo fóra, o mudo falou. A xente quedou coa boca aberta e dicía:
–Nunca tal cousa se viu en Israel.
34Pero os fariseos dicían:
–Bota os demoños co poder do xefe dos demoños.

**Percorre Galilea** (Mc **6**, 6b; Lc **8**, 1)

35Xesús percorría todas as vilas e aldeas ensinando nas sinagogas, anunciando a Boa Nova do Reino e curando toda enfermidade e doenza. 36Pero, vendo a multitude, sentiu unha fonda compaixón por ela, porque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor.
37Entón díxolles aos discípulos:
–A anada é ben boa, pero os xornaleiros son poucos; 38así que rogádelle ao dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa.

**Misión dos Doce** (Mc **3**, 13-19; **6**, 7-13; Lc **6**, 12-16; **9**, 1-6)

**10** 1E chamando aos doce discípulos, deulles poder para botaren os espíritos malos e curaren toda enfermidade e doenza. 2Estes son os nomes dos doce apóstolos: o primeiro Simón, chamado Pedro, e mais André seu irmán, Santiago o do Zebedeo e mais Xoán seu irmán, 3Felipe e Bartolomeu, Tomé e Mateo, o recadador de tributos, Santiago o de Alfeo e mais Tadeo, 4Simón o Celote e Xudas Iscariote, o mesmo que o entregou.

5A estes doce mandounos Xesús con estas instrucións:

**9**, 15 Cf nota a Mc **2**, 19.
**9**, 16 Estas imaxes queren dicir que o Evanxeo non se pode mesturar co xudaísmo, o novo co vello: a mensaxe de Xesús non resiste esquemas vellos (cf nota a Mc **2**, 21).
**9**, 27 *Fillo de David* era un título mesiánico popular, pois o Mesías esperado era descendente de David.
**9**, 36 *Ovellas sen pastor* é unha imaxe bíblica: cf Núm **27**, 17; 1 Re **22**, 17.
**10**, 2 *Apóstolo* significa "enviado" para prolongar a misión de Xesús. O número *doce* quere indicar que Xesús escolle un número igual ao das doce tribos de Israel.
**10**, 4 *Celote*: en arameo "cananeo": "celoso" da Lei de Deus, co senso de fanático relixioso (cf Introdución ao N. T. 2.e.6). *Iscariote* vén ser «home de Keriot», pobo de Xudá; outros din que tamén podería ser «sicario», home da «sica» ou puñal (cf Introdución ao N. T., 2.e.7).

—Non vaiades a terra de pagáns nin entredes en vilas de samaritanos; [6]ide máis ben ás ovellas perdidas da casa de Israel. [7]E mentres camiñades proclamade que xa chega o Reino dos Ceos. [8]Curade enfermos, resucitade mortos, limpade gafos, botade os demos fóra. E xa que de balde recibistes, dade de balde tamén.

[9]Non levedes nin ouro, nin prata, nin cobre nas vosas faixas; [10]nin alforxa para o camiño, nin dúas túnicas, nin sandalias, nin caxato, porque o traballador ben merece a súa mantenza. [11]En calquera vila ou aldea que entredes, informádevos se hai alguén de confianza e permanecede alí ata que marchedes. [12]Ao entrar na casa, saudade. [13]Se a casa é digna, veña a ela a vosa paz; pero se non é digna, que a vosa paz volva convosco. [14]E se alguén non vos acolle nin escoita as vosas palabras, saíde daquela casa ou daquela vila e sacudide o po dos vosos pés. [15]Asegúrovos que o día do Xuízo será máis levadío para Sodoma e Gomorra do que para aquela vila.

**As persecucións** (Mc **13**, 9-13; Lc **21**, 12-17)

[16]Vede que vos mando coma ovellas entre lobos! Así que sede prudentes coma as serpes e sinxelos coma as pombas. [17]Tede coidado coa xente, porque vos entregarán aos tribunais e hanvos azoutar nas sinagogas. [18]E pola miña causa hanvos levar ante gobernadores e reis: así daredes testemuño de min diante deles e dos pagáns.

[19]E cando vos entreguen, non andedes angustiados polo como ou polo que ides dicir, porque naquela hora hásevos inspirar o que tedes que dicir. [20]Non sodes vós os que falaredes, senón que será o Espírito de meu Pai quen falará por vós. [21]Haberá irmáns que entreguen a seus irmáns á morte; pais a fillos; fillos que denuncien a seus pais ata facelos matar. [22] Hanvos odiar pola miña causa; pero o que persevere ata o final hase salvar.

[23]Cando vos persigan nunha vila fuxide a outra, porque de certo vos aseguro: non acabaredes de andar as vilas de Israel antes de que veña o Fillo do Home. [24]Non é o discípulo máis que o seu Mestre, nin o servo máis ca o seu Señor. [25]Abóndalle ao discípulo chegar a ser coma o seu Mestre; e ao servo coma o seu Señor. Se ao dono da casa o alcumaron Belcebul, canto máis aos da súa casa!

**A quen temer** (Lc **12**, 2-9)

[26]Pero non lles teñades medo, que non hai cousa encuberta que non se acabe descubrindo, nin cousa oculta que non se acabe sabendo. [27]O que vos digo na escuridade faládeo á plena luz; e o que oídes ás agachadas pregoádeo desde as azoteas. [28]Non lles teñades medo aos que matan o corpo pero non poden matar a alma; temede máis ben a aquel que pode botar a perder o corpo e a alma no inferno. [29]Non se venden un par de pardais por catro patacos? E non cae o primeiro no chan sen o consentimento do voso Pai.

[30]Pois vós, mesmo tedes contados os cabelos todos da cabeza. [31]Así que non teñades medo, que vós valedes máis ca todos os pardais xuntos. [32]O que volva por min diante dos homes tamén eu hei volver por el diante de meu Pai celestial. [33]Pero quen me negue diante dos homes, eu negareino a el diante do meu Pai celestial.

**Xesús, sinal de contradición** (Lc **12**, 51-53; **14**, 26-27)

[34]Non vaiades pensar que vin traer paz á terra: non vin traer paz, senón espada. [35]Porque vin enfrontar o home *co seu pai, a filla coa súa nai, a nora coa súa sogra* [36]*e os propios familiares serán os inimigos de cada un*. [37]Quen ama a seu pai ou a súa nai máis ca a min, non é digno de min. E quen ame a seu fillo ou a súa filla máis ca a min non é digno de min. [38]E quen non carga coa súa cruz e me segue, non é digno de min. [39]Quen trate de conservar a vida, perderaa; pero quen a perda por min, ese conservaraa.

[40]Quen vos recibe a vós, recíbeme a min; e quen me recibe a min, recibe ao que me mandou. [41]Quen recibe a un profeta por ser profeta, terá recompensa de profeta; quen recibe a un xusto por ser xusto, terá recompensa de xusto. [42]E quen dea de beber a un destes pequenos, aínda que soamente sexa

**10**, 6 A misión prepascual dos discípulos de Xesús queda limitada aos israelitas de Xudea, de xeito que non teñen que ir onda os fríos galileos nin onda os cismáticos samaritanos.

**10**, 16 Bótase de ver claramente que este texto está escrito en tempos difíciles para a primitiva Igrexa, polas primeiras persecucións xudías.

**10**, 30 Palabras de ánimo para a Igrexa perseguida.

**10**, 34 *Espada*. Lucas fala da "división", en **12**, 51. Pódese entender como a Palabra que crea e provoca as decisións radicais, como se ve polo que segue. Este v. deixa entrever a publicación tardía do Evanxeo de Mateo: en tempos de persecución para os cristiáns.

**10**, 35 A esixencia do seguimento do Reino é absoluta, e Xesús prevé o que o evanxelista concreta. Iso é o que remarca este xeito duro de falar, que nada ten que ver coa negación ou menosprezo do amor humano de todo tipo, como se pode comprobar en **19**, 19.

**10**, 36 Miq **7**, 6.

un vaso de auga fresca, por ser discípulo meu, asegúrovos que non perderá a súa recompensa.

**11** [1]En rematando de lles dar estas instrucións aos doce discípulos, partiu de alí para ensinar e predicar por aquelas vilas.

**Pregunta de Xoán e loanza de Xesús** (Lc **7**, 18-30)

[2]Xoán, oíndo falar na cadea das obras de Cristo, mandou os seus discípulos a preguntarlle:

[3]–Es ti o que ten que vir ou esperamos a outro?

[4]Respondeulles Xesús:

–Ide e contádelle a Xoán o que estades oíndo e vendo: [5]os cegos ven e os coxos andan, os leprosos fican limpos e os xordos oen; os mortos resucitan e aos pobres estáselles anunciando a Boa Nova. [6]E ditoso quen non se escandalice de min!

[7]Non ben se foron eles, comezou Xesús a falar de Xoán á xente:

–Que fostes ver ao deserto?: unha cana abaneada polo vento? [8]Pois logo, que fostes ver?: un home vestido con roupas finas? Pero os que visten roupas finas están nos palacios dos reis. [9]Pois logo, a que saístes?: a ver un profeta? Si, e abofé que moito máis ca un profeta. [10]Este é de quen está escrito:

*Olla, mando o meu mensaxeiro diante de ti,*
*para que prepare o teu camiño*.

[11]Tede por seguro que non naceu de muller ninguén meirande ca Xoán o Bautista, aínda que o máis pequeno no Reino dos Ceos é meirande ca el. [12]Desde o tempo de Xoán o Bautista ata agora o Reino dos Ceos está a ser violentado, e os violentos repáñano. [13]Pois ata Xoán profetizaron todos os Profetas e mais a Lei. [14]El é Elías, o que tiña que vir; así que aceptádeo, se queredes. [15]Quen teña oídos, que escoite.

**11**, 5 Is **26**, 19; **29**, 18 ss; **35**, 5 ss; **61**, 1. Esta cita de Isaías recolle a verdadeira mostra da chegada dos tempos mesiánicos. *Pobres* en sentido amplo, desde os "elixidos" aos "cativos", desde os "abatidos" aos "encadeados", etc. (Is **61**, 2). Véxase nota a Mt **5**, 3.
**11**, 6 O ambiente de expectación mesiánica era distinto. Todos esperaban un Mesías fantástico, política e relixiosamente falando. Xesús optou por seguir o camiño do Servo de Iavé, é dicir, o da cruz. Isto foi o gran escándalo.
**11**, 10 Mal **3**, 1.
**11**, 12 *Está a ser violentado:* Algúns entenden que se refire á violencia hostil, que se fai contra o Reino. Outros á autoviolencia que require a esixencia do Reino.
**11**, 21 *Tiro e Sidón*: vilas pagás, postas como exemplo para os xudeus (**15**, 20-28).

**Xesús xulga a súa xeración** (Lc **7**, 31-35)

[16]Con quen compararía eu esta xeración? Aseméllase a eses rapaces que, sentados no rueiro, rifan entre si [17]dicindo:

*Tocamos a frauta, e non bailastes;*
*fixemos o pranto, e non chorastes*.

[18]Porque apareceu Xoán, que nin comía nin bebía, e din: "Ten o demo no corpo!"; [19]apareceu o Fillo do Home, que come e bebe, e din: "Que larpeiro, que bebedor e que amigo de recadadores e pecadores!". Con todo, a sabedoría quedou acreditada polas súas obras.

**Xesús censura as cidades** (Lc **10**, 13-15)

[20]Entón empezou a rifarlles ás vilas nas que fixera a maior parte dos milagres, pero que non se converteran:

[21]–Ai de ti, Corozaín! Ai de ti, Betsaida! Porque se en Tiro e Sidón se fixesen os milagres que se fixeron en vós, hai xa tempo que facían penitencia cubertas de saco e de cinsa. [22]Por iso dígovos: O día do Xuízo será moito máis levadío para Tiro e Sidón do que para vós.

[23]E ti, Cafarnaúm: *Seica pensas que vas chegar ata o ceo? Asolagaraste no abismo!* Porque se en Sodoma se fixesen os milagres que se fixeron en ti, aínda duraba hoxe. [24]Por iso dígovos que Sodoma terá un día do Xuízo máis levadío ca vós.

**Achegádevos a min** (Lc **10**, 21-22)

[25]Naquel tempo dixo Xesús:

–Bendito sexas, meu Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles escondiches estas cousas aos sabios e aos prudentes e revelácheslas á xente humilde. [26]Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así. [27]Meu Pai ensinoume todas as cousas e ninguén coñece ao Fillo agás o Pai, nin coñece ao Pai agás o Fillo e aquel a quen o Fillo llo queira revelar. [28]Achegádevos a min todos os que estades cansos e oprimidos, que eu vos aliviarei.

**11**, 23 Is **14**, 13-15.
**11**, 25 *Xente humilde* (lit. "pequenos"): designa unha vez máis os "pobres", porque eles son os verdadeiramente dispoñibles para o Reino de Deus. Coma os "nenos", é dicir, sen importancia sociolóxica, capaces de confiar espontaneamente sen ningún tipo de autosuficiencia.
**11**, 27 Afirmación central sobre a misión de Xesús. *Meu Pai ensinoume*, é dicir, reveloume todas as cousas. A misión de Xesús é dar a coñecer o Pai, con quen manifesta unha íntima relación (Véxase nota a **6**, 9).
**11**, 28 Os *cansos e oprimidos* son os pequenos e pobres, especialmente vítimas da concepción farisaica da Lei. O "Xugo da Lei" é unha expresión usada xa no A. T., como pode verse en Is **14**, 25 e Xer **2**, 20.

29Cargade co meu xugo e aprendede de min,
que son bo e humilde de corazón e atoparedes acougo para as vosas almas; 30porque o
meu xugo é levadío e a miña carga liviá.

**O asunto das espigas no sábado** (Mc **2**, 23-28; Lc **6**, 1-5)

**12** 1Naquel tempo pasou Xesús nun sábado
por unhas leiras traballadas. Os seus
discípulos sentiron fame e empezaron a
arrincar espigas e comelas. 2Os fariseos, vendo aquilo, dixéronlle:

–Mira que os teus discípulos fan o que non está permitido facer no sábado.

3El contestoulles:

–Seica non sabedes o que fixo David cando sentiu fame el e mais os seus acompañantes? 4Entrou na casa de Deus e comeu pan do ofrecido, cousa que non lle estaba permitida a el nin aos seus acompañantes, senón só aos sacerdotes. 5E non tendes lido na Lei que os sacerdotes no templo quebrantan o sábado sen por iso seren culpables? 6Pois eu asegúrovos que aquí hai algo meirande que o templo. 7Se entendésedes ben o que significa: *Misericordia quero e non sacrificios*, non condenabades a estes inocentes. 8Porque o Fillo do Home é Señor do sábado.

**O home da man tolleita** (Mc **3**, 1-6; Lc **6**, 6-11)

9E saíndo de alí foi á sinagoga deles. 10Había alí un home que tiña unha man tolleita e preguntáronlle para o tentar:

–E logo, está permitido curar en sábado?

11El respondeulles:

–Quen de vós que teña unha soa ovella, se lle cae en sábado nun foxo, non a colle e a saca de alí? 12Pois un home vale moito máis ca unha ovella: polo tanto está permitido facer ben no sábado.

13E coa mesma díxolle ao home:

–Estende a túa man.

El estendeuna e púxoselle tan sa coma a outra. 14E con só saír, os fariseos empezaron a maquinar na maneira de acabar con el.

**Xesús, o servo de Deus**

15Xesús, ao sabelo, decidiu ir para outro lado, seguido por moitos e curando a todos. 16E mandoulles que non o descubrisen, 17para que se cumprise o que dixera o profeta Isaías:

18*Velaquí o meu servo, o meu elixido,*
*o meu amado, a miña regalía.*
*Pousarei o meu Espírito sobre el,*
*para que anuncie o dereito ás nacións.*
19*Non discutirá nin berrará,*
*ninguén oirá a súa voz polos rueiros.*
20*Non crebará a canivela cascada*
*nin apagará a torcida que fumega*
*ata que faga triunfar o dereito:*
21*El será a esperanza das nacións*.

**Xesús e Belcebul** (Mc **3**, 22-30; Lc **11**, 14-23; **12**, 10)

22Trouxéronlle, daquela, un endemoñado cego e mudo. El curouno e o mudo falaba e vía. 23E todos, pasmados, dicían:

–Non será este o Fillo de David?

24Pero os fariseos, oíndo isto, dixeron:

–Este non bota os demos se non é co poder de Belcebul, xefe dos demos.

25El, coñecendo os seus pensamentos, díxolles:

–Todo reino dividido contra si mesmo fica asolado; nin pode manterse en pé unha cidade ou unha familia dividida contra si mesma. 26E se Satanás bota a Satanás, está dividido contra si mesmo. Como se vai manter, logo, en pé o seu reino? 27E se eu boto os demos co poder de Belcebul, os vosos fillos co poder de quen os botan? Por iso eles mesmos serán os vosos xuíces. 28Pero se boto os demos polo Espírito de Deus, vese que xa chegou a vós o Reino de Deus. 29Pois como poderá entrar alguén na casa dun home forte e roubarlle canto ten, se primeiro non ata ao home forte para logo arramplar con todo canto hai na casa?

**11**, 29 *Bo e humilde*, ou quizais "manseliño e abaixado", pertence ao vocabulario dos "Pobres de Iavé" (cf Is **26**, 6).

**12**, 1 *O sábado* era día sagrado dos xudeus, no que non podían facer traballo ningún. Os fariseos, legalistas máximos, eran escrupulosos coa Lei ata faceren dela unha carga inhumana. A actitude de Xesús é clara: o home non está ao servizo da Lei, senón a Lei ao servizo do home (Mc **2**, 27; cf Introdución ao N. T., 2.d.6).

**12**, 5 O culto non entraba na prohibición.

**12**, 7 Os **6**, 6.

**12**, 17 Este texto de Isaías, reelaborado pola mentalidade cristiá, vén reafirmar o chamado "segredo mesiánico", típico do evanxeo segundo san Marcos, polo que se daba a entender que Xesús trataba de encubrir a súa concepción mesiánica.
A razón de tal precaución de non se declarar Mesías abertamente, ata o final da súa vida (cf **26**, 64), radicaría no medo de Xesús a ser mal entendido, dado que a imaxe de Mesías que tiña a xente era moi distinta da que el encarnaba. O tipo de Mesías que Xesús reclamaba debía pasar pola morte, e a través dela inaugurar o Reino de Deus. Tal cousa naturalmente sería causa de escándalo. Recordemos a reacción de Pedro ante tal anuncio (**16**, 26).

**12**, 18 *Dereito*: lit. "xuízo salvífico", "salvación".

**12**, 21 Is **42**, 1-4.

**12**, 23 *Fillo de David*: título mesiánico. Véxase nota a Lc **20**, 43.

30Quen non está comigo está contra min; e
o que non recolle comigo, derrama. 31Por iso
asegúrovos que aos homes háselles perdoar
calquera pecado e blasfemia, pero o pecado
contra o Espírito non terá perdón. 32E a quen
fale contra o Fillo do Home poderáselle per-
doar; pero a quen fale en contra do Espírito
Santo non se lle perdoará, nin neste mundo
nin no vindeiro.

**A árbore e os froitos** (Lc **6**, 43-45)

33Se unha árbore é boa, dará froito bo; e
se é mala, o seu froito será malo. Porque a
árbore coñécese polo froito. 34Raza de víbo-
ras! Como ides falar ben sendo vós malos?
Pois do que reborda o corazón fala a boca.
35O home bo saca boas cousas do tesouro da
súa bondade, pero o home ruín saca cousas
ruíns do pozo da súa maldade. 36Asegúrovos
que toda palabra falsa que digan os homes
háselles ter en conta no día do Xuízo. 37Pois
polas túas palabras declararante xusto e polas
túas palabras condenarante.

**O sinal de Xonás** (Mc **8**, 11-12; Lc **11**, 29-32)

38Entón, para replicar, algúns letrados e fa-
riseos dixéronlle:

–Mestre, queremos ver un sinal teu.

39Respondeulles el:

–Unha xeración perversa e adúltera recla-
ma un sinal! Pois non se lle dará máis sinal ca
o de Xonás o profeta. 40Que así como *estivo
Xonás no ventre do peixe*, así estará o Fillo
do Home no seo da terra tres días e tres noi-
tes. 41Os habitantes de Nínive enfrontaranse
no Xuízo con esta xeración para condenala,
porque se converteron cando escoitaron a
predicación de Xonás; pero aquí está quen é
máis ca Xonás. 42A raíña do Sur enfrontara-
se no Xuízo con esta xeración e fará que a
condenen; porque ela veu desde o cabo do
mundo para escoitar a sabedoría de Salomón
e aquí está quen é máis ca Salomón.

**Volta do espírito malo** (Lc **11**, 24-26)

43Cando o espírito inmundo sae do home,
vai polos ermos adiante buscando acougo
sen atopalo. 44Entón di: "Volverei á casa de
onde saín"; e ao chegar atopa a casa deso-
cupada, varrida e ordenada. 45Entón vai,
colle consigo outros sete espíritos aínda
peores ca el e establécense alí; e o final da-
quel home acaba sendo peor que o princi-
pio. Así lle vai pasar tamén a esta xeración
malvada.

**A nai e os irmáns de Xesús** (Mc **3**, 31-35;
Lc **8**, 19-21)

46Mentres Xesús lle estaba falando á xen-
te, súa nai e mais seus irmáns presentáron-
se fóra buscando o xeito de falaren con el.
47Díxolle un:

–Mira que túa nai e mais teus irmáns están
aí fóra, que te buscan para falaren contigo.

48El respondeu ao que llo dicía:

–Quen é miña nai e quen son os meus ir-
máns?

49E, sinalando coa man os seus discípulos,
dixo:

–Velaquí miña nai e mais meus irmáns.
50O que cumpre a vontade do meu Pai cele-
stial, ese é meu irmán, miña irmá e mais miña
nai.

**Parábola do sementador** (Mc **4**, 1-9; Lc **8**,
4-8)

**13** 1Naquel día Xesús saíu da casa e foise
sentar á beira do mar. 2Tanta era a
xente reunida ao pé del, que tivo que subir
e sentar nunha barca, mentres a xente toda
ficaba na beira. 3E faloulles de moitas cousas
en parábolas. Dicía:

–Dunha vez saíu un labrego a sementar.
4E ao botar a semente, parte dela foi caendo
polo camiño adiante; viñeron os paxaros e
comérona. 5Outra caeu entre as pedras, onde
apenas había terra; e naceu decontado, por-
que a terra non tiña fondura; 6pero non ben
saíu o sol, queimouna, e, como non tiña raíz,
secou. 7Outra parte caeu na silveira, e ao
medraren as silvas afogárona. 8Outra caeu
en boa terra, dando froito: unha, cen; outra,
sesenta; outra, trinta. 9Quen teña oídos, que
escoite!

**12**, 32 No contexto catequético da primitiva Igrexa, pecado contra o Espírito é negarse a recoñecer a acción salvadora de Deus en Xesús, e no contexto concreto, cando se responsabiliza desta curación a Satanás, colaborando con Xesús.

**12**, 38 *Sinal* ou "signo", refírese a algún milagre aparatoso que probase que Deus estaba con Xesús.

**12**, 39 *Adúltera* é un eco da metáfora veterotestamentaria que designa a infidelidade de Israel a Deus: cf Xer **3**, 1-5; Os **2**, 3-22.

**12**, 40 Xon **2**, 1.

**12**, 46 *Irmán*, no mundo hebreo, ten un sentido moi amplo: aplícase tamén aos parentes (cf nota a Xn **2**, 12).

**O motivo das parábolas** (Mc **4**, 10-12; Lc **8**, 9-10)

10E achegándose os discípulos, dixéronlle:
–Por que lles falas en parábolas?
11El respondeulles:
–Porque a vós concedéusevos coñecer os misterios do Reino dos Ceos, pero a eles non. 12Pois a quen ten daráselle ata sobrarlle; pero a quen non ten, aínda o que ten se lle quitará. 13Por iso fálolles eu en parábolas, porque mirando, non ven, e escoitando, non oen nin entenden. 14Cúmprese así neles o que profetizara Isaías dicindo:

*Oír, oiredes, pero non entenderedes;*
*ollar, ollaredes, pero non veredes.*
15*Porque o corazón deste pobo*
*está insensibilizado:*
*endureceron os seus oídos*
*e pecharon os seus ollos,*
*para non veren cos ollos,*
*nin oíren cos oídos,*
*nin entenderen co seu corazón*
*nin se converteren*
*para que eu os cure.*

16Ditosos, en troques, os vosos ollos, porque ven, e mais os vosos oídos, porque oen! 17Pois asegúrovos que moitos profetas e xustos anhelaron ver o que vós vedes, e non o viron, e oír o que vos oídes, e non o oíron.

**Explicación da parábola do sementador** (Mc **4**, 13-20; Lc **8**, 11-15)

18–Escoitade, logo, vós a parábola do sementador: 19Sempre que un escoita a Palabra do Reino e non a entende, vén o Maligno e repáñalle o sementado no seu corazón: esa é a que caeu no camiño. 20O que caeu entre as pedras, vén ser aquel que, escoitando a Palabra, deseguida a recibe con alegría; 21pero, ao non ter raíz e ser inconstante, así que veñen as dificultades ou a persecución por causa da Palabra, deseguida abandona. 22O que cae na silveira, vén ser aquel que escoita a Palabra; pero as preocupacións do mundo e o engado das riquezas afogan a palabra e queda sen dar froito. 23Pero o que foi sementado en boa terra, vén ser aquel que escoita a Palabra e a comprende: este si que dá froito e produce nun caso cento, noutro sesenta e noutro trinta.

**Parábola do xoio no medio do trigo**

24E contoulles outra parábola:
–Parécese o Reino dos Ceos a un home que sementou boa semente na súa leira. 25Pero mentres todos durmían, o seu inimigo veu sementar xoio polo medio do trigo e marchou. 26Cando espigou a planta e deu trigo, apareceu o xoio tamén.
27Os criados do dono fóronlle dicir: "Señor, ti non sementaras boa semente na túa leira? De onde lle vén, logo, o xoio?". 28El contestoulles: "Isto é obra dun inimigo". Os criados preguntáronlle: "Queres que o vaiamos arrincar?". 29El respondeulles: "Non, non sexa que ao collerdes o xoio arrinquedes tamén o trigo. 30Deixádeos medrar xuntos deica a sega, que no tempo da sega heilles dicir aos segadores: Apañade primeiro o xoio, e atádeo en monllos para queimalo; e o trigo recollédeo na miña arca".

**Parábola do gran de mostaza e mais do fermento** (Mc **4**, 30-32; Lc **13**, 18-21)

31E contoulles outra parábola:
–O Reino dos Ceos é semellante a un gran de mostaza que un home sementou na súa horta. 32A mostaza vén sendo a máis pequerrecha de todas as sementes; pero cando medra chega a ser meirande ca todas as hortalizas, converténdose nunha árbore, de tal xeito que mesmo os paxaros veñen facer o niño nas súas pólas.
33Díxolles outra parábola:
–O Reino dos Ceos é semellante ao fermento que unha muller amasou en tres medidas de fariña, ata que todo levedou.
34Todo isto lle falou Xesús en parábolas á xente, e nada lle falaba que non fose por medio de parábolas. 35De xeito que se cumprise o que dixera o profeta:

*Abrirei a miña boca para dicir parábolas,*
*proclamarei cousas escondidas desde que*
*o mundo é mundo.*

**Explicación da parábola do xoio**

36Entón, deixando á xente, foise para a casa. Achegáronselle os seus discípulos e pedíronlle:
–Explícanos a parábola do xoio na leira.
37El respondeu:

**13**, 11 A Igrexa primitiva ten que dar unha explicación da "cegueira xudía" ante a opción cristiá. Con ese fin acode a Is **14-15**, para manifestar que xa estaba profetizada de antes. Neste contexto explícanse estas escuras e discutidas palabras de Xesús, palabras que Mt suaviza algo respecto de Mc **4**, 12, aínda que con significado parecido.
**13**, 12 *A quen ten...* , é dicir, o que recibiu o Reino dos Ceos, por ter feito producir os talentos que Deus lle dera. *A quen non ten...*, ou sexa, o que rexeita o Reino, por se deixar levar, en vez de facer dar froitos aos talentos que lle dera o Señor; *aínda se lle quitará*, coma no caso de Israel a súa condición de pobo escollido (cf **21**, 43).
**13**, 15 Is **6**, 9-10.
**13**, 35 Sal **78**, 2.

–O que sementa a boa semente é o Fillo do Home; [38]a leira é o mundo; a boa semente son os fillos do Reino; o xoio son os fillos do Malo. [39]O inimigo que a sementa é o Satán; a sega é a fin do mundo e os segadores son os anxos. [40]E así como se entrecolle o xoio e se bota no lume, así pasará na fin do mundo. [41]Mandará o Fillo do Home os seus anxos, e quitarán do seu Reino todos os escándalos e a todos os que fan o mal; [42]e botaranos no forno do lume, onde será o pranto e o renxer dos dentes. [43]Entón, os xustos resplandecerán coma o sol no Reino de seu Pai. Quen teña oídos que escoite.

**Parábola do tesouro, da perla e mais da rede**

[44]–O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro acochado nunha leira: o home que o atopou vólveo a acochar; e, cheo de alegría, vai vender canto ten para mercar aquela leira.

[45]Tamén se parece o Reino dos Ceos a un tratante de perlas finas: [46]en atopando unha de grande valor, foi vender canto tiña e mercouna.

[47]Do mesmo xeito é semellante o Reino dos Ceos a un aparello de rapeta largado no mar, que recolleu peixes de todas as castes. [48]Unha vez cheo, tiran por el para a ribeira e, sentados, escollen os bos nun queipo e os malos tiran con eles. [49]Así será na fin do mundo: sairán os anxos e arredarán os malos dos xustos [50]para botalos no forno do lume; alí será o pranto e o renxer dos dentes. [51]Entendedes todo isto?

Eles responderon:

–Entendemos.

[52]El concluíu:

–Por iso todo letrado que se fai discípulo do Reino dos Ceos parécese ao dono dunha casa que saca das súas arcas o novo e mais o vello.

**Xesús en Nazaré** (Mc **6**, 1-6; Lc **4**, 16-30)

[53]E resulta que cando Xesús acabou de expoñer estas parábolas, marchou de alí, [54]indo para a súa terra; e ensináballes na súa sinagoga de tal xeito que dicían abraiados:

–De onde lle veñen a este esa sabedoría e eses milagres? [55]Non é o fillo do carpinteiro? Non se chama María súa nai; e seus irmáns Santiago, Xosé, Simón e Xudas? [56]E súas irmás, non viven connosco? Entón de onde lle vén todo isto?

[57]Estaban realmente escandalizados por causa del. Pero Xesús díxolles:

–A un profeta só o aceptan mal na súa terra e na súa casa.

[58]E alí non fixo moitos milagres pola falta de fe daquela xente.

**Morte do Bautista** (Mc **6**, 14-30; **9**, 7-9)

**14** [1]Naquel tempo chegou a sona de Xesús aos oídos de Herodes, o tetrarca. [2]Este comentou cos seus cortesáns:

–Ese é Xoán o Bautista, que resucitou de entre os mortos con poderes milagrosos.

[3]Pois Herodes prendera a Xoán, meténdoo na cadea por cousa de Herodías, muller de seu irmán Filipo. [4]Porque Xoán non paraba de lle dicir: "Non che está permitido vivir arrimado con ela".

[5]Aínda que Herodes o quería matar, tíñalle medo á xente, que o consideraba un profeta. [6]Mais, cando Herodes celebrou o seu aniversario, a filla de Herodías bailou diante de todos. E tanto lle agradou a Herodes [7]que lle prometeu baixo xuramento darlle o que lle pedira.

[8]Ela, encirrada por súa nai, díxolle:

–Tráeme nunha bandexa a cabeza de Xoán o Bautista.

[9]O rei entristeceuse, pero, como o xurara e por cousa dos convidados, ordenou que lla trouxesen, [10]e mandou que fosen decapitar a Xoán na cadea. [11]Trouxeron a cabeza nunha bandexa e entregáronlla á rapaza, que lla levou á nai. [12]Logo viñeron os seus discípulos recoller o corpo e sepultalo. Despois foron informar a Xesús.

**Primeira multiplicación do pan** (Mc **6**, 30-44; Lc **9**, 10-17; Xn **6**, 1-14)

[13]Cando o soubo Xesús, retirouse de alí nunha barca a un lugar deserto e arredado. En canto a xente o soubo, foino seguindo por terra desde as vilas. [14]Así, cando desembarcaron, atopouse cun gran xentío. El, conmovido, curou a todos os enfermos. [15]Chegada a tarde, os discípulos foron onda el e dixéronlle:

–O lugar está moi arredado e a hora moi avanzada: será mellor que despidas a xente para que vaian ás aldeas e merquen comida.

[16]Xesús díxolles:

–Non precisan marchar, dádelles vós de comer.

**13**, 58 Cf Mc **6**, 5. Mt suaviza a expresión de Mc, que salienta aínda máis "non puido facer ningún" a conexión entre fe e milagres. Estes non son lucimentos sensacionalistas, senón "signos" amorosos da presenza eficaz do Reino.

17Eles responderon:
–Aquí non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes.
18Pero Xesús replicoulles:
–Pois, traédemos aquí.
19E mandando recostar á xente na herba, colleu os cinco bolos e mais os dous peixes, ergueu a mirada ao ceo, dixo a bendición, partiu os bolos e déullelos aos discípulos, que á súa vez llos pasaron á xente. 20E comeron todos ata se fartaren, enchendo coas sobras doce cestas. 21Os que comeron eran uns cinco mil, sen contar mulleres nin nenos.

**Anda por riba da auga** (Mc **6**, 45-52; Xn **6**, 16-21)

22Deseguida mandou aos seus discípulos que embarcasen e que fosen diante para a outra banda, mentres el despedía a xente. 23Despois de despedila, subiu ao monte para orar el só, e alí colleuno a anoitecida. 24E, xa a moitos metros no medio do mar, as ondas batían na barca, pois levaban o vento en contra. 25Ao riscar o día, Xesús foi cara a eles, camiñando polo mar. 26E, os discípulos, véndoo camiñar polo mar, asustáronse dicindo:
–É unha pantasma.
E, cheos de medo, empezaron a berrar.
27Deseguida faloulles Xesús dicindo:
–Tranquilos, non teñades medo, que son eu.
28Respondeulle Pedro:
–Señor, se es ti, mándame que vaia onda ti, camiñando pola auga.
29El díxolle:
–Ven.
Baixou Pedro da barca, e púxose a camiñar pola auga, dirixíndose a Xesús. 30Pero, ao sentir o vento forte, colleu medo, empezou a afundirse e púxose a berrar:
–Señor, sálvame!
31Axiña Xesús, dándolle a man, agarrouno e díxolle:
–Home de pouca fe, por que dubidas?
32E ao subiren eles á barca, quedouse o vento. 33Os que estaban na barca prostráronse ante el dicindo:
–Realmente ti es Fillo de Deus.

**Curacións en Xenesaret** (Mc 6, 53-56)

34Rematada a travesía, chegaron á terra de Xenesaret. 35Ao recoñecelo, os homes do lugar mandaron aviso a toda a comarca. Leváronlle todos os enfermos, 36rogándolle que lles deixase tocar tan sequera a orla do seu manto. E cantos o tocaron, curaron.

**A tradición dos devanceiros** (Mc **7**, 1-23)

**15** 1Entón achegáronse a Xesús un grupo de fariseos e letrados de Xerusalén e preguntáronlle:
2–Por que os teus discípulos quebrantan a tradición dos devanceiros e non lavan as mans antes de comer?
3El contestoulles:
–E logo por que quebrantades vós o mandamento de Deus por causa de vosa tradición? 4Porque Deus dixo: *Mira por teu pai e mais por túa nai, e quen abandone a seu pai ou súa nai é reo de morte*. 5Pero vós dispoñedes: "Quen lle diga a seu pai ou a súa nai: *ofrézolle ao templo o sustento que teño para vós*, 6non ten por que coidar de seu pai"; así invalidades o mandamento de Deus por mor da vosa tradición. 7Hipócritas! Ben profetizou de vós o profeta Isaías cando dixo:

8*Este pobo hónrame cos labios,*
*pero o seu corazón está lonxe de min.*
9*Inutilmente me renden culto,*
*porque a doutrina que ensinan*
*non son máis ca costumes humanos*.

10E, convocando á xente, díxolles:
–Escoitade e procurade entender: 11Non é o que entra pola boca o que mancha ao home; o que sae pola boca, iso si que mancha ao home.
12E, achegándoselle os discípulos, dixéronlle:
–Ti sabes que os fariseos se escandalizaron ao escoitaren a túa palabra?
13El contestoulles:
–Toda planta que non plantase meu Pai celestial arrincarase de raíz. 14Deixádeos: son cegos e guías de cegos. Se un cego guía a outro cego, ambos caerán na cova.
15Rogoulle Pedro:
–Explícanos a comparanza.

**14**, 19 O cerimonial co que Xesús bendí e reparte o pan é anticipo da derradeira cea (**26**, 26).
**14**, 21 O número é esaxerado. A tradición tende a avultar os números, ou a buscar os que teñen valor simbólico.
**14**, 25 *Ao riscar o día*: lit. "pola cuarta vixilia da noite". A noite dividíase en catro vixilias de tres horas, e comezaban na posta do sol.
**14**, 33 Esta confesión tan explícita estraña contrastándoa coa de Mc **4**, 41. Hai un contexto simbólico xa incluso no símbolo da barca no medio do perigo. Hai que notar o protagonismo que vai tomando Pedro no evanxeo de Mateo.
**15**, 4 *Mira por*, en lugar de "honra": resulta máis axeitado no contexto (cf Éx **20**, 12; **21**, 17; Lev **20**, 9; Dt **5**, 16).
**15**, 9 Cf Is **29**, 13. O problema é eterno. Aquí tamén os fariseos confunden as súas "tradicións humanas" coas divinas e impiden que a verdadeira tradición corra sen dificultade.

16El díxolle:
–Tamén vós estades aínda sen entender?
17Non comprendedes que todo o que entra
pola boca vai dar ao ventre, e de alí ao es-
cusado? 18Pero o que sae pola boca procede
do corazón, e isto si que mancha ao home.
19Porque do corazón proceden os malos pen-
samentos, os asasinatos, os adulterios, as for-
nicacións, os roubos, os falsos testemuños, as
blasfemias. 20Isto é o que mancha ao home;
pero comer sen lavar as mans, iso non man-
cha ao home.

**Viaxe polos arredores de Galilea. A muller cananea** (Mc **7**, 24-30)

21Saíndo de alí foi Xesús para a comarca
de Tiro e Sidón. 22E apareceu unha muller ca-
nanea daqueles contornos, que berraba:
–Compadécete de min, Señor, Fillo de
David: a miña filla está atormentada por un
demo.
23Pero el non respondeu palabra. Achegán-
doselle os seus discípulos, rogábanlle:
–Despídea, que vén berrando detrás de
nós.
24El contestoulles:
–Non fun mandado máis que ás ovellas
extraviadas da casa de Israel.
25Pero ela alcanzounos e, prostrándose,
suplicoulle:
–Señor, váleme!
26El respondeulle:
–Non é ben quitarlles o pan aos fillos para
llelo botar aos cadelos.
27Pero ela contestou:
–Non é, Señor, non; pero tamén os cadelos
comen das faragullas que caen da mesa dos
seus amos.
28Entón respondeulle Xesús:
–Muller, a túa fe é ben grande: fágase,
logo, como desexas!
E a súa filla ficou sa naquela hora.

**Máis curacións**

29Marchou Xesús daquela terra e chegou
onda o mar de Galilea. Subiu a un monte e
sentou alí. 30E veu a pé del un mundo de xen-
te, traendo consigo coxos, cegos, eivados,
xordos e outros moitos; botábanos aos pés
de Xesús e el curábaos a todos. 31De xeito
que a xente ficaba pasmada vendo os mudos
falar, curados os eivados, os coxos andar e os
cegos ver; e glorificaban ao Deus de Israel.

**Segunda multiplicación do pan** (Mc **8**, 1-10)

32Chamou Xesús polos seus discípulos e
díxolles:
–Dáme pena esta xente: hai tres días que
veñen tras miña e non teñen que levar á boca.
Non os quero despedir sen tomaren nada,
porque poderían esmorecer polo camiño.
33Dixéronlle os discípulos:
–E de onde imos sacar, nun lugar deserto,
pan abondo para fartar tanta xente?
34Pero el preguntoulles:
–E logo, cantos pans tedes?
Eles responderon:
–Sete e mais algúns peixes.
35Mandou que a xente sentase no chan;
36despois colleu os sete bolos e mais os pei-
xes, rezou a acción de grazas, partiunos e
déullelos aos seus discípulos; e os discípulos
dábanllos á xente. 37Comeu a xente a se far-
tar, e cos anacos que sobraron encheron sete
cestas. 38Os que comeron eran uns catro mil
homes, sen contar mulleres nin nenos. 39Des-
pois, despediu a xente, subiu á barca e foise
para a terra de Magadán.

**Pídenlle un sinal** (Mc **8**, 11-13; Lc **12**, 54-56)

**16** 1Chegaron os fariseos e mais os sadu-
ceos, e, para o poñeren a proba, pedí-
ronlle que lles mostrase un sinal do ceo. 2El
respondeulles:
–Vós á tardiña dicides: "Vai vir bo tempo,
porque hai roibéns no ceo"; 3e á mañanciña:
"Vai haber treboada, porque o ceo está som-
brizo". Así que sabedes discernir o cariz do
ceo, e non sodes capaces de interpretar os
sinais dos tempos? 4Esta xeración malvada e
adúltera reclama un sinal! Pois non se lle vai
dar máis sinal ca o de Xonás.
E deixounos coa palabra na boca.

**O fermento dos fariseos e saduceos** (Mc **8**, 14-21)

5Ao pasaren para a outra banda, os discí-
pulos esqueceron levar pan. 6E díxolles Xe-
sús:
–Tede coidado. Ollo co fermento dos fari-
seos e saduceos!
7Comentaban entre eles:
–É que non trouxemos pan.
8Xesús decatouse e díxolles:
–Como, homes de pouca fe: así que esta-
des aí debatendo que non tedes pan! 9Aínda

**15**, 17 Xesús contrasta a pureza legal coa moral que xor-
de do corazón do home.
**15**, 24 Xesús fala da súa misión persoal, necesariamente
limitada.
**15**, 32 Probablemente esta é unha variante da xa narrada
primeira multiplicación.
**16**, 9 Mateo suaviza a reprensión de Mc **8**, 17, incluso ao
dicir que os discípulos "comprenderon".

non acabades de entender e non vos acordades dos cinco bolos de pan para cinco mil, e de cantas cestas enchestes? 10Nin dos sete bolos para catro mil, e de cantas cestas enchestes? 11Como non entendedes que non era de pan do que eu vos falaba? Coidado! Ollo co fermento dos fariseos e dos saduceos!

12Entón comprenderon que non lles falara de que tivesen coidado co fermento do pan, senón da doutrina dos fariseos e saduceos.

**Profesión de Pedro** (Mc **8**, 27-30; Lc **9**, 18-21)

13Cando chegou á comarca de Cesarea de Filipo preguntoulles Xesús aos seus discípulos:

–Quen di a xente que é o Fillo do Home?

14Eles responderon:

–Uns, que Xoán o Bautista; outros, que Elías; outros, que Xeremías ou algún dos profetas.

15Insistiu:

–E vós, quen dicides que son?

16Respondeu Simón Pedro:

–Ti es o Mesías, o Fillo do Deus vivo.

17E Xesús contestoulle:

–Ditoso ti, Simón, fillo de Xonás; porque iso non cho revelou nin a carne nin o sangue, senón meu Pai que está no ceo. 18E eu asegúroche que ti es Pedro; e sobre esta pedra vou edificar a miña Igrexa; e as portas do inferno non prevalecerán en contra dela. 19Dareiche as chaves do Reino dos Ceos: todo o que ates na terra ficará atado nos ceos; e todo o que desates na terra ficará desatado nos ceos.

20E mandoulles aos discípulos que non dixesen nada de que el era o Mesías.

**Anuncio da morte e da resurrección** (Mc **8**, 31-33; Lc **9**, 22)

21Desde aquela empezou Xesús a aclararlles aos seus discípulos que tiña que ir a Xerusalén, e que alí o ían facer padecer moito os anciáns, os sumos sacerdotes e os letrados; que o ían executar e que ao terceiro día había resucitar. 22Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifar con el, dicindo:

–Deus te libre, Señor; a ti non che pasará nada diso, de maneira ningunha.

23Pero el, volvéndose, díxolle a Pedro:

–Arreda de min, Satanás! Ti es un tentador para min, porque non te deixas guiar por Deus senón polos homes.

**Como seguir a Xesús** (Mc **8**, 34; **9**, 1; Lc **9**, 23-27)

24Entón díxolles Xesús aos seus discípulos:

–Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, que cargue coa súa cruz e que me siga. 25Porque quen queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen a perda pola miña causa, poñeraa a salvo. 26Pois de que lle serve ao home gañar o mundo enteiro se perde a súa vida? E que pode dar un home para recobrar a súa vida? 27Porque o Fillo do Home ha vir coa gloria de seu Pai entre os anxos; entón pagará a cadaquén conforme á súa conduta. 28Tede por seguro que algúns dos aquí presentes non morrerán sen veren antes o Fillo do Home vir no seu Reino.

**A transfiguración** (Mc **9**, 2-13; Lc **9**, 28-36)

**17** 1Seis días despois colleu Xesús a Pedro, a Santiago e a Xoán seu irmán, e subiu con eles sos a un monte alto. 2Alí transfigurouse diante deles; o seu rostro resplandecía coma o sol, e os seus vestidos viraron brancos coma a luz. 3Nisto apareceron Moisés e mais Elías falando con el.

4Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús:

–Señor, que ben estamos aquí! Se queres, farei aquí tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías.

**16**, 14 Nótase a confusión que entre a xente había verbo de quen era Xesús.
**16**, 17 A fe é un don de Deus, e non unha conquista persoal.
**16**, 18 *Pedro*, é dicir, Pedra; lit. só di "Pedro"; pero este é o xogo de palabras que está baixo toda a frase. En arameo é "Kefas" ("Cefas": "pedra, rocha"); tal é o nome, nunca antes usado, que Xesús escolle para sinalar o rol de Simón.
*Igrexa*: asemblea, comunidade da Nova Alianza, encamiñada a estender o Reino de Deus.
**16**, 19 A entrega das chaves é un eco de Is **22**, 22, onde aparece como símbolo dun cargo oficial, aquí particularmente relacionado co perdón dos pecados e que abre ou pecha o acceso ao Reino de Deus. A Igrexa aparece así dotada polo Señor dunha autoridade xerárquica no seo da comunidade (cf tamén Mt **18**, 18).
**16**, 22 O escándalo de Pedro é típico. Así reaccionou o pobo xudeu. Non comprendían como o "poder" de Deus se podía manifestar "morrendo" o que tiña que salvar ao pobo.
**16**, 23 *Tentador*: lit. "escándalo", ocasión de caer, incitación a ceder á tentación de non seguir a vontade do Pai.
**16**, 28 Probable referencia á Transfiguración de Xesús, que vai describir a continuación Mateo, ou ben á vinda do Espírito de Xesús, que enche a casa onde se atopan os discípulos (cf Feit **2**) .
**17**, 3 *Moisés* e *Elías* representan a Lei e os Profetas. A súa presenza vén mostrar que Xesús está na súa liña, vindo a dar "cumprimento" (**5**, 18).
**17**, 4 *Facer tres tendas*: alusión á festa das Cabanas ou Tabernáculos, na que se conmemoraba a estancia dos israelitas ao pé do Sinaí, cando recibiron a Lei.

5E aínda estaba falando cando apareceu
unha nube luminosa que os cubriu; e unha
voz saíndo da nube dixo:
–Este é o meu Fillo benquerido, o meu
predilecto: escoitádeo.
6Ao escoitaren isto, os discípulos caeron
debruzados, cheos de temor. 7Xesús achegán-
dose, tocounos e díxolles:
–Erguédevos, non teñades medo!
8E levantando os ollos, non viron a nin-
guén fóra de Xesús. 9Cando baixaban do
monte, Xesús encargoulles:
–Non lle faledes desta visión a ninguén,
ata que o Fillo do Home resucite de entre os
mortos.
10E preguntáronlle os discípulos:
–Como é que din os letrados que primeiro
ten que vir Elías?
11El respondeu:
–Si, Elías tiña que vir e volver poñer todo
en orde e restablecelo todo. 12Pero eu ase-
gúrovos que Elías xa veu, e non o recoñeceron, e fixeron con el o que quixeron; do mes-
mo xeito tamén o Fillo do Home padecerá
nas súas mans.
13Entón comprenderon os discípulos que o
dixera referíndose a Xoán o Bautista.

**O neno lunático** (Mc **9**, 14-29; Lc **9**, 37-43)

14E cando chegaron a onde estaba a xente,
acercóuselle un home, que de xeonllos 15lle
suplicou:
–Señor, ten compaixón do meu fillo, por-
que é lunático e sofre moito; xa ten caído no
lume e na auga. 16Presentéillelo aos teus dis-
cípulos e non o deron curado.
17Respondeu Xesús:
–Xeración incrédula e perversa! Ata can-
do vos terei que soportar? Traédemo aquí!
18Entón Xesús increpou ao demo e saíu
del. E desde aquela hora ficou curado o ra-
paz. 19Entón achegáronselle os discípulos e
preguntáronlle en privado:
–Por que non o demos botado nós?
20El respondeulles:
–Pola vosa pouca fe. E asegúrovos que se
tivésedes sequera unha fe coma un gran de
mostaza, diriádeslle a este monte: "Vai de
aquí para alá!", e o monte había ir. E nada
sería imposible para vós.

**Segundo anuncio da paixón** (Mc **9**, 30-32; Lc **9**, 44-45)

22Andando eles xuntos por Galilea, díxo-
lles Xesús:
–Ao Fillo do Home vano entregar nas
mans dos homes, 23que o matarán; pero ao
terceiro día resucitará.
Eles ficaron moi tristes.

**O tributo do templo**

24Cando chegaron a Cafarnaúm ache-
gáronse a Pedro os cobradores do tributo do
templo e preguntáronlle:
–Seica o voso Mestre non paga o tributo?
25El respondeulles:
–Si que paga.
E cando chegaron á casa, Xesús adiantou-
se a dicirlle:
–Que che parece, Simón: Os reis da terra
de quen cobran as taxas ou tributos: dos fillos
ou dos alleos?
26Ao responder el que dos alleos, Xesús
concluíu:
–Polo tanto, os fillos están exentos. 27Con
todo, para non ser ocasión de escándalo, vai ao
mar, bota o anzol, colle o primeiro peixe que
pique, e ábrelle a boca: alí atoparás unha mo-
eda. Cóllea, e entrégaa por min e mais por ti.

**O máis importante no Reino dos Ceos** (Mc **9**, 33-37; Lc **9**, 46-48)

**18** 1Naquel momento acercáronse os dis-
cípulos a Xesús, para lle preguntar:
–Quen é o máis importante no Reino dos
Ceos?
2El chamou por un meniño e púxoo no me-
dio deles, 3e dixo:

**17**, 5 Esta epifanía celestial confirma por segunda vez a efectuada no seu bautismo (**4**, 17), na que se garante a misión de Xesús.
**17**, 10 Malaquías tiña designado o papel de Precursor a Elías nunha segunda volta (Mal **3**, 23-24). Pero Xesús responde que esa profecía xa se cumpriu en Xoán o Bautista.
**17**, 20 Algún ms. engaden o v. 21, tomado de Mc **9**, 29: "Porque esa caste non sae máis que con oración e xaxún".
**17**, 25 Fillos equivale a súbditos. Recordemos que os cidadáns romanos non pagaban impostos, senón que os pagaban os membros das colonias.
**17**, 27 Esta pasaxe reflicte a problemática dos primeiros cristiáns de procedencia xudía, que cumprían a Lei de Moisés. Ao gardar as formas, evitaban escándalos.
**18**, 2 O neno, coma a muller, no aspecto relixioso-legal, era menosprezado no ambiente xudeu. Entraba na tríade de "xordomudos, parvos e menores de idade", coma outro tipo de "pobres" (cf Gal **4**, 1-2). Con eles forman parte dos "pequenos", preferidos por Xesús e susceptibles de recibiren sen autosuficiencia o Reino (**18**, 13).
*Os nenos* son capaces de asombro e teñen confianza. Facerse coma nenos non é infantilizarse, senón recobrar a capacidade de confianza no Pai. Xesús mesmo usaba o nome de "Abbá" para falar co Pai, nome utilizado polos nenos, e que poderiamos traducir por "Papaíño", que indica o grao de confianza e familiaridade que o neno ofrece (véxase nota a **6**, 9).

–Asegúrovolo: se non cambiades e non vos facedes coma nenos, non entraredes no Reino dos Ceos. [4]Quen se faga pequeno coma este cativo será o máis importante no Reino dos Ceos. [5]E quen acolla un meniño coma este no meu nome, acólleme a min.

**O escándalo** (Mc **9**, 42-48; Lc**17**, 1-2)

[6]Mais quen escandalice a un destes pequenos que cren en min, máis lle valería que lle colgasen unha pedra de muíño ao pescozo, e que o largasen ao fondo do mar. [7]Ai do mundo polos seus escándalos! É irremediable que haxa escándalos, pero ai do home que provoca escándalos!

[8]Se a túa man ou o teu pé te pon en perigo, córtao e tírao lonxe de ti: máis che vale entrar na vida manco ou coxo e non que te boten coas dúas mans e cos dous pés no lume eterno. [9]E se o teu ollo te pon en perigo, arríncao e tírao lonxe de ti: máis che vale entrar na vida cun ollo só e non que te boten cos dous no lume do inferno.

[10]Coidadiño con desprezar a un destes cativos! Asegúrovos que os seus anxos, no ceo, están sempre contemplando o rostro do meu Pai celestial.

**A ovella perdida** (Lc **15**, 3-7)

[12]A ver: que vos parece? Se un home ten cen ovellas e perde unha, non deixará as outras noventa e nove no monte, para ir buscar a descarreirada? [13]E se a atopa, asegúrovos que se alegrará máis con ela do que coas noventa e nove que non se perderon. [14]Do mesmo xeito, a vontade do voso Pai celestial é que non se perda ningún destes pequenos.

**A corrección fraterna** (Lc **17**, 3)

[15]Se teu irmán peca contra ti, vai e repréndeo; pero ti só con el. Se te escoita, conquistaches o teu irmán. [16]Se non te escoita, leva contigo un ou dous, para que *por medio de dúas ou tres testemuñas quede resolto o asunto*. [17]Se non vos fai caso, dillo á comunidade; e se tampouco lle fai caso á comunidade, sexa para ti coma un pagán ou un recadador de impostos. [18]Asegúrovos que o que atedes na terra será atado no ceo, e o que desatedes na terra será desatado no ceo.

**Oración en común**

[19]Asegúrovos tamén que se dous de vós se poñen de acordo na terra para pedir calquera cousa, conseguirana do meu Pai celestial. [20]Porque onde están dous ou tres reunidos no meu nome, alí no medio estou eu.

**Perdón das ofensas** (Lc **17**, 4)

[21]Entón Pedro, achegándose, preguntoulle:

–Señor, cantas veces terei que perdoar a meu irmán se me segue ofendendo? Ata sete veces?

[22]Respondeulle Xesús:

–Non che digo ata sete veces, senón ata setenta e sete.

**Parábola do servidor que non perdoaba**

[23]Por iso, o Reino dos Ceos é semellante a un rei que quixo facer as contas cos seus servidores. [24]Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. [25]E como non tiña con que pagar, o señor ordenou que o vendesen a el con muller, fillos e canto tiña, para que así lle pagase.

[26]O servidor botóuselle aos pés e suplicáballe: "Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todiño!". [27]O señor tivo dó daquel home e deixouno marchar, perdoándolle toda a súa débeda. [28]Pero, ao saír, o servidor aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, esganábao dicíndolle: "Paga o que me debes".

[29]Botándose aos seus pés, o compañeiro suplicáballe: "Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todo". [30]Pero non lle fixo caso e, aínda para máis, mandouno meter na cadea ata que lle pagase a débeda. [31]Os compañeiros, ao veren tal cousa, moi apesarados, fóronlle contar ao seu señor todo o que pasara. [32]Entón o señor mandouno chamar e díxolle: "Servidor malvado! Eu perdoeiche toda aquela débeda, porque mo pediches. [33]E logo non debías ti tamén compadecerte do teu compañeiro, como

**18**, 12 Algúns ms. traen aquí un v. 11: "porque o Fillo do Home veu salvar o que estaba perdido". En realidade, está tomado de Lc **19**, 10.

**18**, 15 Pedagoxía seguida sen dúbida nos tempos da primitiva comunidade, que intentaba aproveitar todos os camiños posibles, antes de entrar nun xuízo legal.

**18**, 16 Dt **19**, 15; cf Xn **8**, 7; 2 Cor **13**, 1; 1 Tim **5**, 19.

**18**, 18 Cf **16**, 19. Naturalmente neste contexto as palabras queren dicir absolver e condenar. Marcado sentido eclesiolóxico da primeira comunidade, como aparece no versículo seguinte.

**18**, 22 Tamén se pode traducir: "setenta veces sete", número simbólico que quere dicir: "sempre".

**18**, 24 *Varios millóns*: lit. "dez mil talentos". Era unha cantidade inmensa. Contrasta con "cen denarios" do v. 28, que era unha cantidade insignificante. Xesús salienta así a inmensidade do perdón de Deus fronte á insignificancia do que se nos pide a nós, e a tremenda contradición de quen se pretende perdoado por Deus e non perdoa ao irmán.

**18**, 28 *Unha insignificancia*: lit. "cen denarios".

eu me compadecín de ti?”. [34]E todo anoxado,
o señor entregouno aos verdugos ata que lle
pagase toda a débeda.

[35]Así tamén fará convosco meu Pai celestial, se non perdoades de corazón cada un a seu irmán.

## CAMIÑO DE XERUSALÉN

**O divorcio** (Mc **10**, 1-12)

**19** [1]Cando acabou Xesús estes discursos, partiu de Galilea e veu para a terra de Xudea, na outra banda do Xordán. [2]Seguiuno moita xente, e el púxose a curarlles alí os enfermos.

[3]Chegaron onda el uns fariseos e preguntáronlle para poñéreno a proba:

–É lícito repudiar a muller por un motivo calquera?

[4]El respondeu:

–Seica non sabedes que o Creador *os fixo varón e femia* desde o principio, [5]e que dixo: *Por iso deixará o home a seu pai e mais a súa nai, unirase coa súa muller, e serán os dous unha soa carne?* [6]De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. Polo tanto, o que Deus xuntou, que non o separe o home.

[7]Preguntáronlle:

–E logo como é que Moisés mandou *entregar o certificado de divorcio e repudiala*?

[8]El respondeu:

–Debido á dureza do voso corazón, permitiuvos Moisés repudiar as vosas mulleres; pero ao principio non era así. [9]Asegúrovos que quen repudia a súa muller (sacado que estivera malvivindo) e casa con outra, comete adulterio.

[10]Entón dixéronlle os discípulos:

–Pois se a situación do home respecto á muller é esa, casar non nos fai avío ningún.

[11]El contestoulles:

–Non todos entenden esta linguaxe, senón aqueles a quen se lles concedeu. [12]Hainos que non poden casar, porque naceron así do ventre da súa nai; outros, porque así os fixeron os homes; e outros, porque eles mesmos se fixeron así polo Reino dos Ceos. Quen poida entender, que entenda.

**Bendí os nenos** (Mc **10**, 13-16; Lc **18**, 15-17)

[13]Leváronlle entón uns nenos, para que lles impuxese as mans, e rezase por eles. Pero os discípulos rifábanlles. [14]Mais Xesús díxolles:

–Deixade que os nenos se acheguen a min, non llelo privedes, porque deles é o Reino dos Ceos.

[15]E despois de lles impoñer as mans, marchou de alí.

**O mozo rico** (Mc **10**, 17-22; Lc **18**, 18-23)

[16]Nisto acercouse un para lle preguntar:

–Mestre, que teño que facer de bo para acadar a vida eterna?

[17]El contestoulle:

–Por que me preguntas acerca do bo? Soamente Un é Bo. E se queres entrar na vida, garda os mandamentos.

[18]El preguntoulle:

–Cales?

Xesús díxolle:

–*Non matarás, non cometerás adulterio, non roubarás, non darás falso testemuño;* [19]*honra a teu pai e a túa nai, e ama ao teu próximo coma a ti mesmo*.

[20]O mozo contestou:

–Todas esas cousas xa as gardo. Que é o que me falta?

[21]Respondeulle Xesús:

–Se queres ser perfecto, vai, vende canto tes e dállelo aos pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois, ven e sígueme.

[22]Oíndo estas cousas, o mozo marchou moi aflixido: tiña moitos bens.

**O perigo das riquezas** (Mc **10**, 23-31; Lc **18**, 24-30)

[23]Entón díxolles Xesús aos seus discípulos:

–Asegúrovos que lles vai ser difícil aos ricos entrar no Reino dos Ceos; [24]volvo a asegurarvos: é máis fácil para un camelo pasar polo ollo dunha agulla que para un rico entrar no Reino dos Ceos.

[25]Oíndo aquilo, os discípulos aínda estaban máis abraiados e comentaron:

–Pero logo, quen se vai poder salvar?

[26]Mirando para eles fixamente, díxolles:

**19**, 5 Cf Xén **1**, 27; **2**, 24. *Unha soa carne*, expresión intencionadamente vigorosa: un só ser.
**19**, 7 Dt **24**, 1.
**19**, 9 Cf nota a **5**, 32.
**19**, 12 Clara alusión ao celibato voluntario, ao servizo do Reino de Deus.
**19**, 14 Véxase nota a **18**, 2.
**19**, 19 Cf Éx **20**, 12-16; Lev **19**, 18; Dt **5**, 16-20.
**19**, 21 Eco claro da práctica da Igrexa primitiva, a imitación do que se requiría para seguir de preto ao Mestre.

–Si, para os homes é imposible; pero para Deus todo é posible.

27Entón interveu Pedro dicindo:

–Pois nós deixámolo todo, e seguímoste. Que nos vai tocar?

28Xesús respondeu:

–Asegúrovos que vós, os que me seguistes, cando chegue o mundo novo e o Fillo do Home sente no trono da súa gloria, sentaredes en doce tronos para xulgardes as doce tribos de Israel. 29E todo aquel que deixou casas ou irmáns ou pai ou nai ou fillos ou leiras, por causa do meu nome, recibirá cen veces máis e herdará a vida eterna.

**Parábola dos xornaleiros da viña**

30E hai moitos que son os primeiros e serán os últimos; e moitos que son os últimos e serán os primeiros.

**20** 1Porque o Reino dos Ceos parécese a un propietario que saíu pola mañá cedo a contratar xornaleiros para a súa viña. 2Axustou con eles o xornal dun denario e mandounos á súa viña. 3Saíu outra vez á media mañá e atopou outros sen traballo na praza. 4E díxolles: "Ide vós tamén á miña viña, e dareivos o xusto". 5Eles foron. De novo saíu polo mediodía, e pola tarde, facendo o mesmo. 6Pero aínda volveu saír á tardiña, e atopando outros parados na rúa, díxolles: "Pero que facedes aquí, todo o día sen traballar?". 7Eles responderon: "É que ninguén nos contratou". El díxolles entón: "Ide vós tamén á miña viña".

8Anoitecendo xa, díxolle o dono da viña ao administrador: "Chama os xornaleiros e págalles o xornal: empézasme polos últimos e acabas polos primeiros". 9Chegan os da derradeira hora e dálles un denario a cada un. 10Cando chegaron os primeiros coidaron que lles darían máis, pero tamén recibiron cadanseu denario. 11Ao recibilo, murmuraban contra o propietario: 12"Eses, os derradeiros, traballaron unha hora só e trátalos igual ca nós, que aturamos o peso e a caloraza do día". 13Pero el replicoulle a un deles: "Amigo, non che fago ningunha inxustiza. Non conviñemos nun denario? 14Pois colle o teu, e vaite. E logo, se quero darlle ao último igual ca a ti, 15non teño dereito a facer o que quero co que é meu? Ou é que ti ves con mal ollo que eu sexa bo?". 16Así, dese mesmo xeito, os últimos serán os primeiros, e os primeiros serán os últimos.

**Terceiro anuncio da paixón** (Mc **10**, 32-34; Lc **18**, 31-34)

17Segundo ía subindo a Xerusalén, chamou a un lado os Doce polo camiño e díxolles:

18–Vede que subimos a Xerusalén, e que alí lles van entregar o Fillo do Home aos sumos sacerdotes e mais aos letrados; condenarano a morte, 19e entregarano aos pagáns para que fagan riso del, o azouten e o crucifiquen; pero ao terceiro día resucitará.

**Petición de Santiago e Xoán** (Mc **10**, 35-45)

20Entón achegóuselle a nai dos fillos do Zebedeo cos seus fillos, prostrándose para pedirlle algo. 21El preguntoulle:

–Que queres?

Respondeulle:

–Manda que estes dous fillos meus senten un á túa dereita e outro á túa esquerda no teu Reino.

22Respondeulle Xesús:

–Non sabedes o que pedides. Poderedes beber o cáliz que eu teño que beber?

Respondéronlle:

–Podemos.

23Xesús replicou:

–O meu cáliz beberédelo; pero o sentar á miña dereita ou á miña esquerda, iso non depende de min concedelo: é para quen o meu Pai o ten preparado.

24Ao escoitaren isto os outros dez, anoxáronse todos cos dous irmáns. 25Entón Xesús chamou por eles e díxolles:

–Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan, e os poderosos os asoballan. 26Pero entre vós non pode ser así. Nin moito menos: quen queira ser importante, que sirva aos demais; 27e quen queira ser o primeiro, que sexa o máis servizal; 28porque o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir e a entregar a súa vida en rescate por todos.

**19**, 30 Véxase nota a **20**, 16.
**20**, 15 Lit. "Logo o teu ollo é malvado porque eu son bo?". O ollo é para o semita o asento da envexa e da cobiza.
**20**, 16 Parece que esta parábola vai dirixida aos xudeus (os xornaleiros primeiramente chamados, beneficiados da Alianza desde Abraham), máis ca aos pagáns e pecadores, que pasaron a formar parte da Igrexa primitiva. Estes serían os últimos, que viñeron ser coma os primeiros.

**20**, 19 *Resucitará*: lit. "Será resucitado" (por Deus).
**20**, 22 *Beber o cáliz*: "Pasar o mal trago". No A. T. "cáliz" simboliza decote o sufrimento (Esd **51**, 17-22; Sal **75**, 9; Xer **25**, 15; Ez **23**, 31-34); probablemente aquí cunha alusión ao "cáliz" da paixón (cf nota a Mc **10**, 38).
**20**, 25 A actitude de Xesús ante os poderosos non varía. O servizo, pero sen a trampa do poder, é a verdadeira actitude cristiá: "entregar a vida". Salvarse, cristianamente falando, quere dicir dar a vida na entrega, e non conquistar desde o poder.

**Cura a dous cegos** (Mc **10**, 46-52; Lc **18**, 35-43)

29E ao saíren de Iericó, seguiuno moita
xente. 30Sentados a carón do camiño, había
dous cegos que, cando oíron que pasaba Xe-
sús, puxéronse a berrar:
–Fillo de David, ten piedade de nós!
31A xente rifáballes para que calasen, pero
eles berraban aínda máis alto:
–Señor, Fillo de David, ten piedade de
nós!
32Xesús parou, chamounos e preguntou-
lles:
–Que queredes que vos faga?
33Eles responderon:
–Señor, que se nos abran os ollos.
34Compadecido Xesús, tocoulles os ollos, e
decontado recobraron a vista; e foron tras el.

## EN XERUSALÉN

**Entrada triunfal en Xerusalén** (Mc **11**, 1-11; Lc **19**, 28-40; Xn **12**, 12-19)

**21** 1E cando se aproximaban a Xerusalén
e chegaron a Betfagué, ao pé do monte
das Oliveiras, mandou Xesús a dous discípu-
los, 2dicíndolles:
–Ide á aldea que tedes aí de fronte, e dese-
guida atoparedes unha burra atada e un burri-
ño con ela; ceibádeos e traédeos. 3Se alguén
vos pregunta algo, respondédeslle que lle fan
falta ao Señor, e que deseguida llos mandará
de volta.
4Isto sucedeu para que se cumprise o que
fora dito polo profeta:
5*Dicídelle á filla de Sión:*
*Velaí o teu Rei que vén onda ti,*
*humilde e montado nunha burra,*
*nun burro, fillo de animal de carga*.
6Foron os discípulos, e fixeron o que Xe-
sús lles mandara. 7Trouxeron a burra e mais o
burriño, botáronlle enriba os mantos, e Xesús
montou. 8Moita xente estendeu os mantos no
camiño; outros cortaron pólas das árbores, e
estendéronas tamén no camiño. 9E a xente
que ía diante e mais os que o seguían grita-
ban:
–*Hosanna* ao Fillo de David! *Bendito o*
*que vén no nome do Señor! Hosanna* nas al-
turas!
10E ao entrar en Xerusalén, toda a cidade
conmovida preguntaba:
–Quen é este?
11A xente respondía:
–Este é o profeta Xesús, o de Nazaré de
Galilea.

**Xesús bota os tendeiros fóra do templo** (Mc **11**, 15-19; Lc **19**, 45-48; Xn **2**, 13-22)

12Entrou Xesús no templo, e botou fóra os
tendeiros e compradores do templo, derru-
bando as mesas dos cambiadores e os postos
dos vendedores de pombas. 13E díxolles:
–Está escrito: *A miña casa será casa de*
*oración*; pero vós convertédela en *cova de*
*bandidos*.
14No templo rodeárono cegos e coxos, e
curounos. 15Pero os sumos sacerdotes e os
letrados, vendo os milagres que facía e os ne-
nos que exclamaban no templo: "Hosanna ao
Fillo de David!", indignáronse; 16e dixéronlle:
–Seica non oes o que estes nenos din?
Xesús respondeulles:
–Si, e logo nunca lestes aquilo: *Da boca*
*dos meniños de peito fixeches saír unha loan-*
*za?*
17E deixándoos, saíu da cidade cara a Beta-
nia, onde pasou a noite.

**A figueira maldita** (Mc **11**, 12-14. 20-24)

18Pola mañá cedo, cando regresaba á cida-
de, sentiu fame. 19Vendo unha figueira ao pé
do camiño, achegouse a ela; pero nada ato-
pou, fóra de follas. Entón dixo:
–Nunca máis darás froito.
E, de súpeto, secou a figueira. 20Vendo
aquilo os discípulos, preguntaron abraiados:
–Por que secou de súpeto a figueira?
21Xesús respondeu:
–Eu asegúrovos que se tedes fe, e non du-
bidades, non faredes soamente o da figuei-
ra, senón que se lle dixerdes a este monte:

**21**, 1 A entrada en Xerusalén debeu ser moi sinxela. A reflexión cristiá deulle un carácter solemne e mesiánico, máis claro en Lc **19**, 39-40, aplicándolle tamén o texto de Zacarías.
**21**, 5 Is **62**, 11; Zac **9**, 9.
**21**, 9 *Hosanna*: cf nota a Mc **11**, 9.
**21**, 13 Cf Is **56**, 7; Xer **7**, 11.
**21**, 9 Sal **8**, 3.
**21**, 19 Difícil interpretación. Está na liña das "accións simbólicas" dos profetas. A figueira, coma a vide, era símbolo de Israel.

"Arríncate de aí, e bótate no mar", mesmo iso se faría. [22]Todo canto pidades con fe na oración, recibirédelo.

**A autoridade de Xesús** (Mc **11**, 27-33; Lc **20**, 1-8)

[23]Entrou no templo e mentres ensinaba, acercáronselle os sumos sacerdotes e mais os anciáns do pobo, para lle preguntaren:

–Con que autoridade fas esas cousas?: Quen che deu tal autoridade?

[24]Xesús respondeulles:

–Vouvos facer tamén eu a vós unha pregunta; e se respondedes, dígovos eu tamén con que autoridade fago estas cousas: [25]O bautismo de Xoán, de onde era?: Era cousa de Deus ou dos homes?

Eles razoaban entre si dicindo: "Se respondemos de Deus, preguntaranos: entón por que non crestes nel? [26]Pero se respondemos dos homes, temémoslle ao pobo, porque todos teñen a Xoán por profeta". [27]E contestáronlle a Xesús:

–Non sabemos.

Xesús replicou:

–Pois eu tampouco non vos vou dicir con que autoridade fago estas cousas.

**Parábola dos dous fillos**

[28]–Pero, que vos parece? Un home tiña dous fillos. Foi onda o primeiro, e díxolle: "Meu fillo, vai traballar hoxe na viña". [29]El respondeu: "Non quero"; pero despois, arrepentido, foi. [30]Foise onda o outro e díxolle o mesmo. El respondeu: "Vou, señor"; pero non foi. [31]Quen dos dous fixo a vontade do pai?

Respondéronlle:

–O primeiro.

Entón díxolles Xesús:

–Asegúrovos que os recadadores e mais as prostitutas entrarán no Reino de Deus antes ca vós. [32]Porque veu Xoán para vos ensinar o camiño da xustiza, e non lle fixestes caso; en cambio, os recadadores e mais as prostitutas, si que llo fixeron. Pero vós, aínda despois de ver aquilo, nin vos arrepentistes nin crestes.

**Parábola dos vendimadores** (Mc **12**, 1-12; Lc **20**, 9-19)

[33]–Escoitade outra parábola:

Dunha vez había un propietario *que plantou unha viña; rodeouna dunha sebe, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda*. Logo, arrendóullela a uns vendimadores e marchou para lonxe. [34]Cando chegou o tempo da vendima, mandou os seus criados aos vendimadores, para cobrar as rendas. [35]Pero os vendimadores agardáronos, e a un zorregáronlle, a outro matárono e a outro apedrárono. [36]De novo mandou outros criados, máis numerosos; pero tratáronos do mesmo xeito. [37]Por último, mandoulles o seu propio fillo, dicindo para si: "Ao meu fillo hano respectar". [38]Pero os vendimadores, ao veren o fillo, comentaron: "Este é o herdeiro: veña, matémolo, e a herdanza será nosa". [39]E agarráronо, botárono fóra da viña, e matárono. [40]Ben, e cando veña o señor da viña, que fará cos vendimadores aqueles?

[41]Respondéronlle:

–A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrendaralles a viña a outros vendimadores, que lle paguen as rendas no seu tempo.

[42]Díxolles entón Xesús:

–Seica non lestes nunca na Escritura:

*A pedra que desbotaron os canteiros*
é agora o esquinal:
*esa pedra colocouna o Señor,*
*que regalía para nós?*

[43]Por iso dígovos: Quitarásevos a vós o Reino de Deus, e daráselle a un pobo que produza bos froitos. [44]Quen caia enriba desa pedra, esnaquizarase; pero aquel sobre quen ela caia, ficará esmagado.

[45]Oíndo as súas parábolas, os sumos sacerdotes e mais os fariseos decatáronse de que ían por eles. [46]Quixérono prender, pero tivéronlle medo á xente, que o tiña por profeta.

**Os convidados á voda** (Lc **14**, 15-24)

**22** [1]E Xesús púxose de novo a falarlles en parábolas:

[2]–Parécese o Reino dos Ceos a un rei que celebrou o casamento de seu fillo. [3]Mandou os seus criados ir chamar polos convidados á voda, pero estes non querían ir. [4]Volveu mandar outros criados, encargándolles: "Dicídelles aos convidados: Mirade que teño preparado o banquete, xa están mortos os becerros e tamén os demais animais cebados; todo está disposto: vide á voda!". [5]Pero eles, sen lles faceren caso, fóronse: un ás súas leiras, outro aos seus negocios. [6]Os demais botáron-

**21**, 33 Is **5**, 1-7. Esta parábola vai dirixida aos xudeus (que acabaron cos profetas e co mesmo "Fillo de Deus"), como ben se bota de ver na reacción dos sumos sacerdotes e dos fariseos (vv. 45-46).
**21**, 42 Sal **118**, 22-23.
**21**, 44 Moitos códices omiten este v. Fai alusión a Dn **2**, 34-35.
**22**, 2 Esta parábola é moi parecida á anterior. Os convidados primeiros –os xudeus– serán rexeitados, e chamados os pagáns e os oficialmente pecadores.

se aos criados, maltratáronos e matáronos. [7]Entón o rei, todo indignado, mandou os seus exércitos, que acabaron cos asasinos aqueles e prendéronlle lume á cidade. [8]E díxolles aos criados: "A voda está preparada, pero os convidados non a merecían. [9]Así que ide ás encrucilladas dos camiños; e a cantos atopedes, convidádeos á voda". [10]Saíron aos camiños os criados e xuntaron a todos os que atoparon, bos e malos, enchéndose de convidados a sala da voda.

[11]Cando entrou o rei para ollar os convidados, viu un home que non vestía traxe de voda [12]e díxolle: "Amigo, como entraches aquí sen traxe de voda?". El ficou caladiño: [13]Entón o rei díxolles aos camareiros: "Atádeo de pés e mans, e botádeo fóra, ás tebras, onde será o pranto e mais o renxer dos dentes". [14]Porque os chamados son moitos, pero poucos os escollidos.

**O tributo do César** (Mc **12**, 13-17; Lc **20**, 20-26)

[15]Entón os fariseos fóronse reunir para veren o xeito de pillalo nalgún dito. [16]E mandáronlle algúns dos seus discípulos e dos partidarios de Herodes, que lle preguntaron:

–Mestre, sabemos que es sincero: que ensinas o verdadeiro camiño de Deus e que non andas con miramentos, porque non te deixas levar polos respectos humanos. [17]Dinos, logo, que che parece: está permitido pagarlle o tributo ao César ou non?

[18]Xesús, catando a malicia, contestoulles:

–Por que me queredes comprometer, hipócritas? [19]Mostrádeme a moeda do tributo.

Eles presentáronlle un denario. [20]E el preguntoulles:

–De quen é esa imaxe e esa inscrición?

[21]Contestáronlle:

–Do César.

Entón replicoulles:

–Pois logo dádelle ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus.

[22]Ao oíren isto ficaron pasmados e, deixándoo, marcharon.

**Acerca da resurrección** (Mc **12**, 18-27; Lc **20**, 27-38)

[23]Naquel día chegaron onda el uns saduceos, deses que din que non hai resurrección, [24]e preguntáronlle:

–Mestre, Moisés dixo: *Se un morre sen deixar fillos, que o seu irmán case coa viúva, para lle dar descendencia ao irmán*. [25]Pois este era o caso de sete irmáns que había entre nós. O primeiro casou, pero como morreu sen fillos, deixoulle a muller ao seu irmán. [26]O mesmo lle pasou ao segundo e mais ao terceiro. E así, aos sete. [27]Ao cabo, morreu tamén a muller. [28]Ora, cando resuciten, de cal deles vai ser a muller, xa que estivo casada cos sete?

[29]Respondeulles Xesús:

–Andades descamiñados porque non comprendedes nin a Escritura nin o poder de Deus. [30]Cando resuciten, non casarán nin eles nin elas, porque serán coma anxos no ceo. [31]E volvendo á resurrección dos mortos, non tedes lido o que vos deixou dito Deus: [32]*Eu son o Deus de Abraham, o Deus de Isaac, o Deus de Xacob*? Ben, pois El non é Deus dos mortos, senón dos vivos.

[33]E a xente, ao escoitalo, estaba marabillada da súa doutrina.

**O principal mandamento** (Mc **12**, 28-34; Lc **10**, 25-28)

[34]Os fariseos, ao se informaren de que Xesús lles tapara a boca aos saduceos, reuníronse; [35]e un deles, que era xurista, preguntoulle para poñelo a proba:

[36]–Mestre, cal é o mandamento máis importante da Lei?

[37]El respondeulle:

–*Amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todo o teu entendemento*. [38]Este é o mandamento primeiro e máis grande. [39]O segundo é semellante a el: *Amarás o teu próximo coma a ti mesmo*. [40]Destes dous mandamentos dependen a Lei enteira e mais os Profetas.

**22**, 11ss Esta viraxe da parábola refírese ao xuízo final, moi en consonancia coa crise que provoca nas diversas actitudes. A Igrexa primitiva engade esta parábola do vestido de voda, para lles recordar aos cristiáns que se pode ter recibido o bautismo e non acadar a vida eterna.
**22**, 16 *Partidarios de Herodes*: lit. "herodianos" (cf Introd. ao N. T., 2.e.3).
**22**, 20 A resposta de Xesús é moi sagaz e axeitada ás intencións dos interpelantes, que o único que querían era pillalo.
**22**, 24 Cf Xén **38**, 8ss; Dt **25**, 5ss.
**22**, 28 Típico exemplo das leguleias discusións entre rabinos. Eles, da seita dos saduceos, queren afirmar que non hai vida eterna, porque as cousas volveríanse moi complicadas, coma no caso da muller que tivo sucesivamente ata sete maridos. Xesús atalla, indo ao fondo da cuestión, manifestando que as cousas alá son moi distintas do que acontece aquí, e que Deus é sempre *Deus de vivos*, pois Abraham, Isaac e Xacob están vivos.
**22**, 32 Éx **3**, 6.
**22**, 37 Dt **6**, 5.
**22**, 39 Lev **19**, 18.
**22**, 40 A Lei enteira e mais os Profetas: regra de ouro, que se refire á doutrina contida na Lei de Moisés e mais nos libros seguintes, chamados Profetas (cf Introd. á Biblia, 4.1).

**Fillo de David** (Mc **12**, 35-37; Lc **20**, 41-44)

41Estando reunidos os fariseos, preguntoulles Xesús:
42–Que pensades vós do Mesías?: De quen é fillo?
Eles responderon:
–De David.
43El replicoulles:
–Como é logo que David, movido polo Espírito, o chama Señor, dicindo:
44*Díxolle o Señor ao meu Señor:*
*senta á miña dereita,*
*que vou poñer os teus inimigos*
*coma estrado dos teus pés.*
45Ora ben, se David o chama Señor, como vai ser o seu fillo?
46E ninguén foi capaz de lle responder palabra; e desde aquel día ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.

**Denuncia dos letrados e fariseos** (Mc **12**, 38-40; Lc **11**, 37-52; **20**, 45-47)

**23** 1Entón Xesús dirixiuse aos discípulos e mais á xente 2dicindo:
–Na cátedra de Moisés sentaron os letrados e mais os fariseos. 3Facede, logo, e cumpride canto vos digan, pero non imitedes a súa conduta porque falan pero non cumpren. 4Atan fardos pesados e cánganos no lombo dos outros, pero eles nin un dedo poñen para os mover. 5Todo o que fan é para que os vexan: visten aparatosamente, ancheando os filacterios e as franxas dos seus mantos; 6buscan os primeiros postos nos banquetes e os primeiros asentos nas sinagogas; 7que lles fagan reverencias nos rueiros e que os chamen "mestre". 8Pero vós non vos fagades chamar "señor mestre", pois un só é o voso Mestre, e todos vós sodes irmáns. 9E a ninguén chamedes "pai" na terra porque un só é o voso Pai: o celestial. 10Nin tampouco vos fagades chamar "dirixentes", porque un só é o voso dirixente: Cristo. 11O máis importante entre vós debe ser o voso servidor. 12Porque quen se enaltece será rebaixado, e quen se rebaixa será enaltecido.
13Ai de vós, letrados e fariseos hipócritas, que lles pechades aos homes o Reino dos Ceos! Nin entrades vós nin deixades entrar aos que o intentan.
15Ai de vós, letrados e fariseos, hipócritas, que percorredes mar e terra para conseguir un prosélito; e cando o conseguides, facédelo fillo da perdición dúas veces máis ca vós!
16Ai de vós, guías cegos, que dicides: "Se alguén xura polo templo, non pasa nada; pero se xura polo ouro do templo, fica obrigado". 17Parvos e cegos! Que é máis importante: o ouro, ou o templo que consagra o ouro? 18E tamén: "Se alguén xura polo altar, non pasa nada; pero se xura pola ofrenda que está enriba do altar, fica obrigado". 19Cegos! Que é máis importante: a ofrenda, ou o altar que consagra a ofrenda? 20Quen xura polo altar, xura por el e mais por todo o que hai enriba del; 21e quen xura polo templo, xura por el e mais por Aquel que o habita; 22e quen xura polo ceo, xura polo trono de Deus e mais por Aquel que está sentado nel.
23Ai de vós, letrados e fariseos hipócritas, que pagades o décimo pola menta, o anís e mais o comiño, e descoidades o máis importante da Lei: a xustiza, a misericordia e a fidelidade! Pero é isto o que hai que practicar, aínda que sen descoidar o outro. 24Guías de cegos, que coades o mosquito e tragades o camelo!
25Ai de vós, letrados e fariseos hipócritas, que limpades por fóra a copa e mais o prato, e por dentro estades ateigados de roubos e vicio! 26Fariseo cego, limpa primeiro o interior da copa para que o seu exterior fique tamén limpo.
27Ai de vós, letrados e fariseos hipócritas, que vos parecedes aos sepulcros encalados, que por fóra parecen fermosos e por dentro están cheos de ósos de mortos e de impureza! 28Tamén vós por fóra parecedes homes xustos, pero por dentro estades cheos de hipocrisía e inxustiza.

**22**, 42 *Fillo... de David*: descendente de David. Véxase nota a Lc **20**, 43.
**22**, 44 Sal **110**, 1.
**23**, 2 Tremendo xuízo sobre os letrados e fariseos. A Igrexa primitiva, especialmente perseguida por estes xudeus puritanos, que cobraron importancia despois da caída de Xerusalén, atopou na doutrina de Xesús unha gran resonancia das súas posturas ante eles.
**23**, 4 Chegaban a complicar de tal forma a Lei que a facían insoportable. Xesús presentábase como "aliviador" desta carga, porque o seu xugo "é levadío" (**11**, 28-29).
**23**, 5 Filacterios: colgantes que contiñan unha caixiña con fragmentos de textos bíblicos (Éx **3**, 1-10; **13**, 11-16; Dt **6**, 4-9; **11**, 13-21).
**23**, 7 *Mestre*. Lit. "rabbí", título moi honorífico que se aplicaba aos Doutores da Lei.
**23**, 9 *Pai*: título honorífico para certas persoas de respecto, coma os Mestres da Lei.
**23**, 14 Algúns ms. introducen aquí un v.: "Desgraciados de vós, escribas e fariseos hipócritas, que devorades os bens das viúvas e aparentades longos rezos: recibiredes por iso a condenación máis rigorosa". Pero falta nos mellores manuscritos e obedece seguramente a unha transposición do que recollen Mc **12**, 40 e Lc **20**, 47.
**23**, 27 *Os sepulcros* encalábanse para chamar a atención, e así evitar que fosen tocados, cousa que equivalería a unha grave impureza legal.

[29]Ai de vós, letrados e fariseos hipócritas,
que lles construídes sepulcros aos profetas
e adornades os monumentos dos xustos, [30]e
dicides: "Se vivísemos no tempo de nosos
pais, nós non seriamos cómplices deles no
asasinato dos profetas". [31]De xeito que con-
tra vós mesmos testemuñades que sodes os
fillos dos que asasinaron aos profetas. [32]Pois
veña! Acabade tamén vós de encher a medida
de vosos pais!
[33]Cobras, niñada de víboras! Como ides
escapar da condena do inferno? [34]Porque,
ollade, eu mándovos profetas, sabios e letra-
dos; a uns matarédelos e crucificarédelos, e
a outros flaxelarédelos nas sinagogas, perse-
guíndoos de cidade en cidade. [35]Así recaerá
sobre vós todo o sangue inocente vertido na
terra, desde o sangue de Abel, o xusto, ata
o sangue de Zacarías, fillo de Baraquías,
ao que matastes entre o santuario e o altar.
[36]Asegúrovos que todos estes crimes recae-
rán sobre esta xeración.

**Laio por Xerusalén** (Lc **13**, 34-35)

[37]Xerusalén, Xerusalén, que matas os
profetas e apedras os que che son enviados!
Cantas veces quixen aconchegar os teus fi-
llos, como a galiña aconchega os seus piti-
ños baixo as súas ás, e non quixeches! [38]Pois
mirade: *a vosa casa fica desolada*, [39]e ase-
gúrovos que xa non me volveredes ver desde
agora ata que digades: *Bendito o que vén no
nome do Señor!*

**A destrución do templo** (Mc **13**, 1-13; Lc
**19**, 41-44; **21**, 5-19)

**24** [1]Saíu Xesús do templo e, segundo ía
camiñando, acercáronselle os discípu-
los e sinaláronlle as construcións do templo.
[2]El díxolles:
–Vedes todo isto? Pois eu asegúrovos que
se derrubará ata que non quede pedra sobre
pedra.
[3]Estando el sentado no monte das Olivei-
ras, achegáronselle os seus discípulos, pre-
guntándolle en privado:
–Anda, dinos cando van pasar estas cou-
sas, e cal será o sinal da túa chegada e da fin
do mundo.
[4]Respondeulles Xesús:
–Estade atentos para que ninguén vos
desoriente. [5]Moitos virán dicindo: "Eu son o
Mesías". E desnortarán a moita xente. [6]Can-
do oiades falar de guerras ou de rumores de
guerra, coidadiño con alarmarvos; pois teñen
que vir, pero aínda non será a fin. [7]Erguera-
se pobo contra pobo, reino contra reino; ha-
berá fame e terremotos en diversos lugares;
[8]e todo isto non será máis ca o comezo das
dores. [9]Daquela entregaranvos ás torturas,
mataranvos e odiaranvos todos os pobos
por causa miña. [10]Entón moitos fallarán na
fe, traizoaranse uns a outros e aborreceranse
mutuamente. [11]Aparecerán moitos falsos pro-
fetas, enganando a moita xente. [12]E, ao crecer
a maldade, arrefriarase o amor da maioría.
[13]Pero o que persevere ata o final, salvarase.
[14]Proclamarase esta Boa Nova do Reino en
todas partes para dar testemuño a todos os
pobos. Entón será a fin.

**A destrución de Xerusalén** (Mc **13**, 14-24;
Lc **21**, 20-24)

[15]E cando vexades que a *abominación da
desolación*, anunciada polo profeta Daniel,
está no lugar santo –enténdao ben o lector–,
[16]entón quen estea en Xudea que fuxa ao
monte; [17]quen estea na azotea que non bai-
xe á casa nin para coller cousa ningunha;
[18]e quen estea na leira que non volva atrás
a pola capa. [19]Ai das que estean embaraza-
das ou criando naqueles días! [20]Rogade para
que a vosa fuxida non cadre no inverno, nin
nun sábado. [21]Porque haberá *unha gran an-
gustia, como non a houbo desde o principio
do mundo*, nin nunca máis a haberá. [22]E, de
non se acurtaren aqueles días, ninguén sairía
con vida; pero por mor dos elixidos han ser
acurtados.
[23]Se entón vos dixer alguén: "Mirade, ve-
laquí está o Mesías", ou "Alí o está", non lle
fagades caso. [24]Pois aparecerán falsos Mesías

**23**, 34 Nestas palabras sentíase reflectida a Igrexa, perse-
guida nos tempos nos que foi escrito o evanxeo.
**23**, 38 Xer **7**, 14; **12**, 7; **26**, 4-6. *Casa desolada*: dada a
partida de Xesús. A cita de Xeremías refírese ao abando-
no do templo de Xerusalén.
**23**, 39 Sal **118**, 26. Referencia á volta de Xesús ao final
dos tempos.
**24**, 2 Aínda que Xesús tamén lle dese a esta destrución un
sentido simbólico a fin da Antiga Lei e da Vella Alianza
para dar paso á Nova, os cristiáns déronlle sobre todo un
sentido histórico, por causa da destrución total do templo
por Tito, algúns lustros despois da morte de Xesús.
**24**, 3ss A todas estas expresións hai que lles dar o sentido
que tiñan no estilo apocalíptico.
**24**, 8 Alusión ás "dores de parto": xeito xudaico de indi-
car as convulsións naturais e históricas que precederán
inmediatamente á era mesiánica.
**24**, 9 Todas estas advertencias sobre as persecucións que
Mateo coloca no discurso da "Misión" (**10**, 17-21), non
parecen ter referencia á fin do mundo: mais ben xúntase
o que ten que ver coa caída de Xerusalén, coas persecu-
cións pola fe e co fin do mundo.
**24**, 15 *A abominación da desolación*: cf nota a Mc **13**, 14.
**24**, 21 Dn **12**, 1.

e falsos profetas, que farán grandes sinais e prodixios para desorientar a xente, e, se fose posible, incluso os mesmos elixidos. [25]Mirade que quedades avisados. [26]E se vos dixer alguén: "Mirade, está no deserto", non saiades; "Mirade, está agachado na casa", non fagades caso. [27]Pois, como o lóstrego sae do oriente resplandecendo ata o occidente, así será cando veña o Fillo do Home. [28]Onde estea o cadáver amoréanse os voitres.

**A chegada do Fillo do Home** (Mc **13**, 24-27; Lc **21**, 25-28)

[29]Inmediatamente despois da calamidade daqueles días, *o sol hase escurecer, a lúa deixará de iluminar, as estrelas caerán do ceo e as potencias celestiais abalarán*. [30]Entón aparecerá o sinal do Fillo do Home no ceo. *E todas as razas da terra daranse golpes no peito, vendo chegar o Fillo do Home enriba das nubes*, con moito poder e gloria. [31]E enviará os seus anxos cunha gran trompeta, para reuniren os elixidos desde os catro ventos, de cabo a cabo do mundo.

**Exemplo da figueira** (Mc **13**, 28-31; Lc **21**, 29-33)

[32]Aprendede da figueira esta comparanza: cando reverdecen as súas pólas e agroman as súas follas, botades de conta que o verán está preto. [33]Así tamén vós, cando vexades que pasan estas cousas, caede na conta de que está pretiño: á porta. [34]Asegúrovos que non pasará esta xeración sen que antes suceda todo isto. [35]O ceo e mais a terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán.

**O día e a hora** (Mc **13**, 32-37; Lc **17**, 26-30. 34-36)

[36]E en canto ao día aquel e á hora, ninguén sabe nada, nin os anxos do ceo, nin o Fillo; só o Pai.

[37]Coma nos tempos de Noé, así pasará cando veña o Fillo do Home. [38]Antes do diluvio comían, bebían e casaban ata o día que Noé entrou na arca; [39]e de nada se decataron ata que veu o diluvio, e os enguliu a todos. O mesmo pasará cando veña o Fillo do Home. [40]Entón estarán dous homes no agro: levarán a un e deixarán ao outro. [41]Estarán dúas mulleres moendo no muíño: levarán unha e deixarán a outra. [42]Vixiade, porque non sabedes nada do día no que virá o voso Señor. [43]Entendédeo ben: se soubese o dono da casa a que hora vai chegar o ladrón, estaría á espreita e non permitiría que lle asaltasen a casa. [44]Así tamén: estade vós preparados, porque na hora menos pensada preséntase o Fillo do Home.

**Parábola do criado fiel** (Mc **13**, 33-37; Lc **12**, 41-48)

[45]Quen é o criado fiel e prudente, a quen o Señor encargou o coidado de dar de comer á servidume no seu debido tempo? [46]Ditoso o criado aquel a quen o seu amo, cando chegue, o atope cumprindo coa súa tarefa! [47]Tende por seguro que lle encomendará toda a súa facenda. [48]Pero se aquel mal empregado di para si: "O meu amo aínda non vén para agora"; [49]e empeza a bourar nos seus compañeiros, comendo e bebendo cos borrachos, [50]o día menos pensado e á hora máis imprevista chégalle o amo [51]e bótao fóra, cos hipócritas; alí será o pranto e mais o triscar dos dentes.

**Parábola das dez mociñas**

**25** [1]Entón o Reino dos Ceos parecerase a dez mociñas que, collendo os seus candís, saíron recibir o noivo. [2]Cinco eran necias e cinco asisadas. [3]As necias colleron os candís pero non os encheron de aceite; [4]as asisadas, en troques, cos candís levaron tamén as aceiteiras cheas. [5]Como o noivo tardaba, pegoulles o sono, e botaron unha soneca. [6]Alá pola media noite oíuse berrar: "Veña, que chega o noivo, ídeo recibir!". [7]Erguéronse todas aquelas mociñas e prepararon os candís. [8]Entón dixéronlles as necias ás asisadas: "Dádenos un chisco de aceite, que os nosos candís esmorecen". [9]Responderon as asisadas: "Non vaia ser que non chegue para vós e para nós; mellor será que vaiades á tenda e que o merquedes". [10]No intre que elas ían mercalo, chegou o noivo, e as que estaban preparadas entraron con el no banquete de vodas, e pechouse a porta. [11]Máis tarde chegaron as outras mociñas chamando:

**24**, 29 Am **8**, 9. Cataclismos do máis puro estilo profético e apocalíptico.
**24**, 30 Dn **7**, 13-14.
**24**, 34 *Esta xeración*. Cando Xesús fala dela refírese con sentido negativo aos contemporáneos incrédulos.
**24**, 45 Por esta parábola resáltase o aspecto de "aviso" de todo o discurso anterior. Unha chamada urxente á perseveranza e fidelidade, que cando se escribiron os evanxeos, debido ás dificultades e persecucións que a Igrexa sufría, debían ter tanto valor.
**24**, 51 *Bótao fóra*: lit. "partirao pola metade", que tamén podería significar unha verdadeira mutilación física, segundo o cruel costume oriental.
**25**, 1 Parábola que, coma a precedente, vai na liña de chamada á vixilancia.

"Señor, Señor, ábrenos!". 12Pero el respondeulles: "Asegúrovos que non vos coñezo". 13Vixiade, logo, xa que non sabedes nin o día nin a hora.

**Parábola dos talentos** (Lc **19**, 11-27)

14Si, é tamén coma un home que, tendo que saír de viaxe, chamou polos seus criados e deulles o coidado da súa facenda. 15A un deulle cinco talentos, a outro dous e a outro un, a cadaquén segundo a súa capacidade; despois marchou. 16Deseguida, o que recibira cinco talentos foi negociar con eles e gañou outros cinco. 17Do mesmo xeito o que recibira dous, gañou outros dous. 18Pero o que recibira un foi cavar un burato na terra e escondeu os cartos do seu amo.

19Ao cabo de moito tempo chegou o señor daqueles criados, pedíndolles contas. 20Chegou o que recibira cinco talentos e presentoulle outros cinco dicindo: "Señor, cinco talentos me entregaches, velaquí outros cinco que gañei". 21Díxolle o señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do teu señor". 22Chegou o que recibira dous talentos e dixo: "Señor, dous talentos me entregaches, velaquí outros dous que gañei". 23E díxolle o señor: "Ben, criado fiel e cumpridor; xa que fuches fiel no pouco, poñereite á fronte do moito: pasa a gozar da festa do teu señor". 24Chegou tamén o que recibira un talento e díxolle: "Señor, sei moi ben que es un home duro, que segas onde non sementaches e recolles onde non botas. 25Por iso collín medo, e fun agachar na terra o teu talento; aquí tes o que é teu". 26Pero o señor respondeulle: "Mal criado, lacazán! Conque sabías que sego onde non semento e recollo onde non boto? 27Pois, poñías os meus cartos no banco e, así, cando eu volvese, podía coller os cartos e mais os xuros. 28Así que quitádelle o talento e dádello ao que ten dez. 29Porque ao que ten, háselle dar e abondo; pero ao que non ten, aínda o que ten se lle ha quitar. 30E ao criado inútil botádeo fóra á escuridade, onde será o pranto e mais o renxer dos dentes".

**O xuízo final**

31Cando veña o Fillo do Home na súa gloria e todos os anxos con el, sentará no seu trono glorioso. 32Diante del xuntaranse todas as nacións; e separará uns dos outros, como xebra o pastor as ovellas das cabras. 33E poñerá as ovellas á súa dereita e as cabras á súa esquerda. 34Entón dirá o Rei aos da súa dereita: "Vide, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. 35Porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; 36estiven espido e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver". 37Entón preguntaranlle os xustos: "Señor, cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? 38Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou espido e te vestimos? 39Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos?". 40O rei contestaralles: "Asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos, fixéstelo comigo".

41E diralles logo aos da súa esquerda: "Arredade de min, malditos; ide para o lume eterno preparado para o Satán e para os seus anxos. 42Porque tiven fame e non me destes de comer; tiven sede e non me destes de beber; 43fun forasteiro e non me acollestes; estiven espido e non me vestistes; enfermo e na cadea e non me visitastes". 44Eles replicaranlle: "Señor, cando te vimos famento ou sedento, forasteiro ou espido, enfermo ou na cadea e non che acudimos?". 45El responderalles: "Asegúrovos que canto deixastes de facerlle a un destes máis pequenos, deixastes de mo facer a min". 46Daquela irán estes ao castigo eterno, e os xustos á vida eterna.

**25**, 14 Estoutra parábola da "vixilancia" ten carácter máis operativo. Vixiar non é estar man sobre man, senón que require o "servizo" do que tanto fala Xesús.

**25,** 15 *Un talento* era moito diñeiro, pois equivalía a uns 30 kg de ouro.

**25**, 21 *Gozar da festa do teu señor*: textualmente "do gozo", pero con claras resonancias da participación no festín nupcial, é dicir, no banquete do Reino.

**25**, 31 Nesta escenificación do xuízo final, vemos a importancia do amor para a salvación. Naturalmente que non se pode amar o que non se coñece, como a Xesús (ou Deus), sen amar aos que se coñecen (cf 1 Xn **4**, 20); pero amar aos seus pequenos (os pobres) é unha referencia, aínda que sexa inconsciente, a El. En definitiva, todo amor vén e vai, dirixido por Deus.

## A PAIXÓN

**Conspiración contra Xesús** (Mc **14**, 1-2; Lc **22**, 1-2; Xn **11**, 45-53)

**26** [1]Cando Xesús rematou este discurso díxolles aos seus discípulos:

[2]–Xa sabedes que pasado mañá é a Pascua e van entregar o Fillo do Home para que o crucifiquen.

[3]Entón reuníronse os sumos sacerdotes e mais os anciáns do pobo no palacio do sumo sacerdote chamado Caifás, [4]e ordenaron prender a Xesús á traizón e matalo. [5]Pero dicían:

–Durante a festa non, para que non se arme un rebumbio cando hai aquí tanta xente.

**Unción en Betania** (Mc **14**, 3-9; Xn **12**, 1-8)

[6]Estando Xesús en Betania na casa de Simón o gafo, [7]achegouse a el unha muller cun frasco de alabastro cheo dun perfume moi caro, e untoulle a cabeza mentres estaba recostado á mesa. [8]Ao veren aquilo, os discípulos indignáronse dicindo:

–Pero a que vén este estrago? [9]Podíase vender por moitos cartos e dárllelos aos pobres.

[10]Xesús, decatándose, díxolles:

–Por que molestades a esa muller? Ben está o que fixo comigo. [11]Os pobres sempre os tedes convosco, pero a min non sempre me teredes. [12]Unxindo con este perfume o meu corpo, preparoume para a sepultura. [13]E asegúrovos que onde queira que se anuncie a Boa Nova, polo mundo enteiro, falarase, para honra dela, do que acaba de facer.

**Traizón de Xudas** (Mc **14**, 10-11; Lc **22**, 3-6)

[14]Entón foi un dos Doce, chamado Xudas Iscariote, onda os sumos sacerdotes e [15]díxolles:

–Canto me dades se volo entrego?

*Eles acordaron darlle trinta moedas de prata*. [16]E desde entón andaba buscando o momento axeitado para llelo entregar.

**Preparación da Pascua** (Mc **14**, 12-16; Lc **22**, 7-13)

[17]No primeiro día dos Ácimos os discípulos fóronlle preguntar a Xesús:

–Onde queres que che preparemos a cea pascual?

[18]El respondeu:

–Ide á cidade, á casa de fulano e dicídelle: "O Mestre di: O momento está preto; vou celebrar a Pascua cos meus discípulos na túa casa".

[19]Os discípulos fixeron tal como Xesús lles mandara e prepararon a Pascua.

**Anuncio da traizón** (Mc **14**, 17-21; Lc **22**, 14. 21-23)

[20]Chegado o solpor, púxose á mesa cos Doce. [21]E mentres ceaban díxolles:

–Asegúrovos que un de vós me vai entregar.

[22]Moi tristes empezaron a preguntarlle un por un:

–Non serei eu, Señor?

[23]El respondeu:

–Un que meteu comigo a man no prato, ese entregarame. [24]O Fillo do Home vaise, como está escrito del; pero ai daquel que entrega ao Fillo do Home! Máis lle valía non ter nacido.

[25]Entón Xudas, o que o ía entregar, preguntoulle:

–Non serei eu, Mestre?

Respondeulle:

–Ti o dixeches.

**A Eucaristía** (Mc **14**, 22-25; Lc **22**, 15-20)

[26]Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan e, dando grazas, partiuno e déullelo aos seus discípulos, dicindo:

–Tomade e comede: isto é o meu corpo.

[27]E collendo unha copa, dando grazas, déullela dicindo:

–Bebede todos dela. [28]Que isto é o meu sangue, o sangue da Alianza, vertido por moitos para o perdón dos pecados. [29]E asegúro-

**26**, 6 Mateo pon a escena na casa de Simón e non identifica a pecadora; Xoán (**12**, 1-8) pona na casa de Marta e María, e identifica a María como a que unxe os pés de Xesús.

**26**, 15 Zac **11**, 12; cf Éx **21**, 32.

**26**, 17 A festa dos Ácimos, de orixe agrícola, e mais a festa da Pascua, de orixe máis pastoril, caían, no primeiro plenilunio da primavera e formaban unha unidade ou ían seguidas. Durante os sete días dos "Ácimos" usábase pan sen levedar, que recordaba a présa da saída de Exipto, e ofrecíanse na ofrenda primaveral.

*A Pascua* era a principal festa xudía. Os fieis reuníanse en Xerusalén para sacrificar e comer o año pascual, celebrando así a saída e liberación dos xudeus da escravitude de Exipto (cf Introd. ao N. T. 2.d.1).

**26**, 28 Cando os xudeus celebraron a Alianza con Deus no Sinaí (Éx **24**, 4-8) selárona co sangue dun año. O sangue de Xesús, novo año pascual, sela a Nova Alianza na cruz. A Eucarística renova perennemente a Alianza.

**26**, 29 Clara alusión ao "banquete" do Reino, símbolo máis significativo, que fai entrever a súa realidade, xa que o banquete era expresión de comuñón fraternal.

vos que desde agora non volverei beber este produto da viña ata o día que o beba, noviño, convosco no Reino do meu Pai.

**Anuncio das negacións de Pedro** (Mc **14**, 27-31; Lc **22**, 31-34; Xn **13**, 36-38)

30Despois de cantaren os salmos, saíron para o monte das Oliveiras. 31Entón díxolles Xesús:

–Esta noite todos ides tropezar na vosa fe por causa miña, conforme está escrito: *Ferirei o pastor e dispersaranse as ovellas do rabaño*. 32Pero cando resucite, irei diante de vós a Galilea.

33Replicoulle Pedro:

–Aínda que todos tropecen pola túa causa, eu si que non tropezarei.

34Respondeulle Xesús:

–Pois ti ten por seguro que esta mesma noite, antes de que cante o galo, hasme negar tres veces.

35Díxolle Pedro:

–Aínda que teña que morrer contigo, endexamais non te negarei.

E o mesmo dixeron todos os discípulos.

**A oración en Xetsemaní** (Mc **14**, 32-42; Lc **22**, 39-46)

36Entón chegou Xesús cos seus discípulos a un terreo chamado Xetsemaní e díxolles:

–Sentade aquí, mentres eu vou orar.

37E, levando consigo a Pedro e mais aos dous fillos do Zebedeo, empezou a poñerse triste e a sentirse fondamente angustiado. 38E díxolles:

–Morro de tristura; quedade aquí, e vixiade comigo.

39E avanzando un pouco, caeu rostro en terra, mentres rogaba:

–Meu Pai, se é posible, arreda de min este cáliz. Pero non se faga o que eu quero, senón o que queres ti.

40E, volvendo onda os discípulos, atopounos durmindo. Díxolle a Pedro:

–Non puidestes velar comigo nin tan sequera unha hora? 41Estade á espreita e orade, para que non entredes na tentación. O espírito está disposto, pero a carne é feble.

42E arredándose de novo, por segunda vez púxose a orar dicindo:

–Meu Pai, se este cáliz non pode pasar sen que eu o beba, fágase a túa vontade.

43E, volvendo de novo, atopounos tombados, porque lles caían os ollos co sono. 44Deixounos e arredouse de novo, e púxose a orar por terceira vez, repetindo as mesmas palabras. 45Despois volveu onda os seus discípulos e díxolles:

–Conque aínda durmides e descansades? Pois sabede que xa chega a hora e o Fillo do Home vai ser entregado nas mans dos pecadores. 46Veña, erguédevos e vaiámonos, que xa está aquí o que me vai entregar!

**Detención de Xesús** (Mc **14**, 43-50; Lc **22**, 47-53; Xn **18**, 3-12)

47Aínda estaba falando cando chegou Xudas, un dos Doce, acompañado dunha tropa de xente con espadas e paus, mandada polos sumos sacerdotes e polos anciáns do pobo. 48O traidor déralles este contrasinal:

–A quen eu lle dea un bico, ese é, prendédeo.

49Deseguida achegouse a Xesús e díxolle:

–Saúde, Mestre!

E bicouno. 50Xesús respondeulle:

–Amigo, e para isto viñeches?

Entón, adiantáronse, botáronlle a man enriba a Xesús e prendérono. 51Pero un dos que estaba con Xesús, botando man á súa espada, desenvaiñouna, e feriu ao criado do sumo sacerdote, rabenándolle unha orella. 52Pero Xesús díxolle:

–Volve a espada ao seu sitio, pois todos os que levan espada pola espada perecerán. 53Seica pensas que non podo acudir a meu Pai? El poñería á miña disposición, agora mesmiño, máis de doce lexións de anxos. 54Pero, como se ían entón cumprir as Escrituras, que din que ten que suceder así?

55E naquela hora díxolle á xente:

–Saístes prenderme con paus e espadas, coma se fose un bandido. A diario estiven sentado no templo ensinando e non me prendestes. 56Pero todo isto pasa para que se cumpra o que escribiron os profetas.

Entón todos os discípulos fuxiron, abandonándoo.

**26**, 30 Seguramente a segunda parte do Hallel (Sal **115-118**).
**26**, 31 Zac **13**, 11. *Tropezar na fe*: lit. "escandalizarse", por ver sucumbir a quen eles esperaban como Mesías todopoderoso (**20**, 21ss).
**26**, 36 *Xetsemaní*: "muíño do aceite", no monte das Oliveiras.
**26**, 41 Para que non entredes na tentación: pois é precisa moita fe para poder resistila. De feito, só Xesús (e logo, detrás del, os crentes), a pode resistir.
**26**, 42 *Beber o cáliz* ten o sentido de "pasar un mal momento", "soportar un mal trago".
**26**, 52 Xesús desautoriza toda violencia. O Reino é pura invitación, e o seu seguimento debe ser froito da xenerosidade (**5**, 39-42).

**Xesús ante o Sanedrín** (Mc **14**, 53-65; Lc **22**, 54-55. 63-71; Xn **18**, 12-14. 19-24)

57Os que prenderon a Xesús leváronoá casa de Caifás, o sumo sacerdote, onde estaban reunidos os letrados e mais os anciáns. 58Pedro seguiuno de lonxe ata o patio do sumo sacerdote e, entrando dentro, sentou cos criados para ver como acababa todo aquilo.

59Os sumos sacerdotes e mais o Sanedrín teimaban por encontrar algún falso testemuño contra Xesús para o poderen condenar á morte. 60Pero non o atopaban por moitas falsas testemuñas que comparecían. Ao fin, viñeron dúas 61que dicían:

–Este afirmou: "Podo destruír o templo de Deus e reconstruílo en tres días".

62Entón ergueuse o sumo sacerdote e díxolle:

–Non respondes nada? Que é o que estes testemuñan contra ti?

63Pero Xesús calaba, e o sumo sacerdote dixo:

–Conxúrote polo Deus vivo que me digas se ti es o Mesías, o Fillo de Deus.

64Xesús contestou:

–Ti o dixeches. E dígovos máis: a partir de agora ides ver *como o Fillo do Home senta á dereita do Todopoderoso e vén entre as nubes do ceo*.

65Daquela o sumo sacerdote, rachando os vestidos, exclamou:

–Que necesidade temos de testemuñas? Vós mesmos oístes a blasfemia. 66Que vos parece?

Eles responderon:

–É culpable: merece a morte.

67Entón cuspíronlle na cara e uns déronlle unhas trompadas; outros zorregábanlle 68dicindo:

–Cristo, veña, adiviña quen che pegou!

**Negacións de Pedro** (Mc **14**, 66-72; Lc **22**, 56-62; Xn **18**, 15-18. 25-27)

69Pedro estaba sentado fóra, no patio. Acercouse a el unha criada e díxolle:

–Ti tamén andabas con Xesús o Galileo.

70El negouno diante de todos:

–Non sei de que me falas.

71Ao saír cara ao portalón viuno outra criada e díxolles aos que estaban alí:

–Este andaba con Xesús de Nazaré.

72De novo volveu el negalo con xuramento:

–Non coñezo a ese home.

73De alí a un pouco achegáronse os presentes, dicíndolle a Pedro:

–Si, ti tamén es deles; descóbrete a túa mesma fala.

74Entón el empezou a maldicir e a xurar:

–Que non coñezo a ese home!

E coa mesma cantou o galo. 75Pedro, acordándose das palabras que dixera Xesús: "Antes de que cante o galo hasme negar tres veces", saíu para fóra e chorou amargamente.

**Xesús levado a Pilatos** (Mc **15**, 1; Lc **23**, 1; Xn **18**, 28)

**27** 1Ao raiar o día, todos os sumos sacerdotes e mais os anciáns do pobo celebraron consello contra Xesús, para condenalo a morte. 2Amarrárono e fóronllo entregar a Pilatos, o gobernador.

**Morte de Xudas**

3Entón Xudas, o traidor, ao ver que o condenaran, cheo de remordementos, devolveulles as trinta moedas de prata aos sumos sacerdotes e mais aos anciáns 4dicindo:

–Pequei entregando á morte a un inocente.

Eles contestaron:

–E a nós que nos contas? Alá ti.

5El, guindando as moedas no templo, marchou, e foise aforcar. 6Os sumos sacerdotes, apañando as moedas, dixeron: "Non é lícito botalas no peto das ofrendas, xa que son prezo de sangue". 7Entón, despois de deliberar, compraron con elas o agro do Oleiro, para enterrar nel os forasteiros. 8Por iso, aquel agro chámase aínda hoxe o "agro do Sangue". 9Cumpriuse así o que deixara escrito o profeta Xeremías: *Colleron as trinta moedas de prata, prezo co que taxaran a un home (pois esa era a taxa que poñían os fillos de Israel),* 10*pagando así o agro do Oleiro, tal como mo mandara o Señor*.

**26**, 64 *Ti o dixeches*, podería ter un sentido evasivo –se ti o dis..., ou iso é o que dis ti–; pero máis ben parece afirmativo. Xesús non só afirma o seu mesianismo, senón que se aplica atributos divinos, cumprindo a visión de Daniel e o que anunciaba un Salmo mesiánico: proclámase así o Señor que senta á dereita do Pai (Sal **110**, 1) e que ven polas nubes do ceo (Dn **7**, 13).
**27**, 2 O feito de levalo ao procurador romano, implica a súa intención de o mataren, cousa que non se podía facer entón sen o veredicto do procurador, por un motivo político, de atentar de algún xeito contra o César.
**27**, 5 A morte de Xudas é confirmada, con variantes, en Feit **1**, 18-19.
**27**, 6 En realidade, non se coñece ningunha prohibición que impedise recoller aqueles cartos. O senso do texto é que "non di ben botar no peto das ofrendas o que é prezo dunha morte".
**27**, 9 A cita é máis ben de Zac **11**, 12-13.
**27**, 10 Xer **32**, 6-9.

**Xesús ante Pilatos** (Mc **15,** 2-15; Lc **23**, 2-5. 13-25; Xn **18**, 29-**19**, 16)

11Compareceu Xesús ante o gobernador,
que lle preguntou:
–Es ti o rei dos xudeus?
Xesús contestou:
–Ti o dis.
12E aos cargos que lle facían os sumos sacerdotes e mais os anciáns, non respondeu nada. 13Entón preguntoulle Pilatos:
–Seica non oes todo o que están testemuñando contra ti?
14Pero non respondeu a pregunta ningunha, deixando ao gobernador moi estrañado.
15Resulta que pola festa tiña o costume de ceibar o preso que a xente lle pedise. 16Tiñan daquela un preso de moita sona chamado Xesús Barrabás. 17Pilatos dirixiuse ao pobo reunido:
–A quen queredes que vos solte, a Xesús Barrabás ou a Xesús, chamado o Cristo?
18Pois el ben sabía que llo entregaran por envexa. 19Mentres estaba sentado no tribunal, a súa muller mandoulle a dicir: "Deixa en paz a ese xusto, que hoxe sufrín moito en soños por cousa del". 20Pero os sumos sacerdotes e mais os anciáns persuadiron á xente, para que reclamasen a Barrabás e acabasen con Xesús. 21O gobernador insistiu:
–A quen queredes que vos libere?
Eles dixeron:
–A Barrabás.
22Díxolles Pilatos:
–E que fago eu con Xesús, chamado o Cristo?
E responderon todos:
–Que o crucifiquen!
23El replicou:
–Pero, que mal fixo?
Pero eles berraban máis forte dicindo:
–Que o crucifiquen!
24Vendo Pilatos que non conseguía nada, senón que, pola contra, o barullo ía a máis, tomou auga e lavou as mans diante de todos dicindo:
–Alá vós! Eu non son responsable deste sangue.
25Todo o pobo respondeu dicindo:
–Pois que recaia o seu sangue sobre nós e sobre nosos fillos.
26Entón soltoulles a Barrabás, e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

**Coroación cos espiños** (Mc **15**, 16-20; Xn **19**, 2-3)

27Os soldados do gobernador levaron a Xesús ao Pretorio, e reuniron toda a compañía. 28Espírono, botáronlle enriba un manto escarlata; 29e, trenzando unha coroa de espiños, puxéronlla na cabeza, e na man dereita unha cana. Axeonllándose diante del, dicíanlle moqueándose:
–Saúde, rei dos xudeus!
30Cuspíanlle e coa canivela dábanlle vergalladas na cabeza. 31Despois de faceren riso del, quitáronlle o manto e puxéronlle a súa roupa e quitárono para fóra para o crucificar.

**Crucifixión** (Mc **15,** 21-32; Lc **23**, 26-43; Xn **19**, 17-27)

32Ao saíren atoparon un home de Cirene, chamado Simón; e obrigárono a levar a cruz de Xesús. 33Cando chegaron a un lugar chamado Gólgota, que quere dicir: "lugar da Caveira", 34*déronlle de beber* viño mesturado con *fel*. Xesús probouno, pero non o quixo beber. 35Crucificárono, e *repartiron entre eles a roupa botándoa a sorteo*. 36Despois sentaron alí a ter conta del. 37Puxéronlle tamén enriba da cabeza un escrito co motivo da condena: "Este é Xesús, o rei dos xudeus".
38Tamén crucificaron con el dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda. 39Os que pasaban por alí, insultábano, *abaneando a cabeza* 40e dicindo:
–Vaites, vaites, o que destrúe o templo e o reconstrúe en tres días! Veña, sálvate a ti mesmo e baixa da cruz, se es fillo de Deus.
41Do mesmo xeito os sumos sacerdotes, burlándose del xunto cos letrados e anciáns, dicíanlle:
42–Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo! É o rei de Israel! Que baixe agora da cruz e creremos nel! 43*Confía en Deus:*

**27**, 11 *Ti o dis*. Contestación moi irónica, dado que o mesmo Pilatos declarou inocente a este "rei" (cf nota a **26**, 64).
**27**, 16 *Xesús Barrabás*. Moitos códices omiten "Xesús". O nome Xesús puido, certamente, ser omitido por respecto. Ademais, hai aínda outro xogo de palabras: Barrabás significa "fillo do pai". Toda a comparación era demasiado cruel, e puido ferir a posterior sensibilidade cristiá.
**27**, 27 *Pretorio*: residencia oficial do gobernador romano.
**27**, 34 Sal **69**, 22. O viño con mirra dábanllelo aos condenados, para os drogar en certo modo, e así alivialos das súas dores. Mt menciona o fel, que facía intragable a poción.
**27**, 38 *Bandidos* ("lestai", "latrones"): é palabra clave do vocabulario militar romano: son os guerrilleiros "nacionalistas", contrarios á ocupación romana. "Bandido" era, por poñer un exemplo, Viriato (para a propaganda militar romana).
**27**, 39 Sal **22**, 8.
**27**, 43 Sal **22**, 9; Sab **2**, 18-20.

*pois que o salve agora, se é que de verdade o quere*; ben que dixo: "Son fillo de Deus".
44Tamén o aldraxaban os bandidos que estaban crucificados con el.

**Morte de Xesús** (Mc **15**, 33-41; Lc **23**, 44-49; Xn **19**, 28-30)

45Chegado o mediodía, a escuridade cubriu a terra ata as dúas e pico da tarde. 46E nesa hora Xesús berrou moi forte dicindo:
–*Elí, Elí lemá sabacthaní?* Isto é: Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches?
47E algúns dos que estaban alí, oíndo aquilo, comentaban:
–Este chama a Elías.
48Inmediatamente un deles foi correndo coller unha esponxa con vinagre e, espetándoa nunha cana, *deulle de beber*.
49Pero os demais dicían:
–Deixade, a ver se vén Elías salvalo.
50Pero Xesús, dando de novo un grande berro, entregou a alma. 51Entón o veo do Santuario rachouse en dous de arriba abaixo. Tremeu a terra, as rochas fenderon, 52e abríronse os sepulcros. Moitos corpos dos santos que estaban mortos resucitaron. 53E despois que el resucitou, saíron dos sepulcros, entraron na cidade santa e aparecéronselles a moitos. 54O centurión e mais os que con el gardaban a Xesús, vendo o terremoto e todo o que pasaba, dixeron aterrados:
–Verdadeiramente este era o Fillo de Deus.
55Había alí, mirando desde lonxe, moitas mulleres que seguiran a Xesús desde Galilea para servilo. 56Entre elas estaba María Magdalena, María a nai de Santiago e mais de Xosé, e a nai dos fillos do Zebedeo.

**Sepultura de Xesús** (Mc **15**, 42-47; Lc **23**, 50-56; Xn **19**, 38-42)

57Á tardiña chegou un home rico de Arimatea chamado Xosé, que tamén era discípulo de Xesús. 58Foi onda Pilatos e pediulle o corpo de Xesús. Pilatos mandou que llo entregasen. 59Collendo o corpo envolveuno nunha saba limpa 60e púxoo no seu propio sepulcro novo, que tiña cavado nunha rocha; e, facendo arrolar unha grande lousa na entrada do sepulcro, foise. 61Estaban alí María Magdalena e mais a outra María, sentadas fronte ao sepulcro.

**Vixilancia do sepulcro**

62Ao outro día, pasado o día da Preparación, os sumos sacerdotes e mais os fariseos foron xuntos onda Pilatos 63e dixéronlle:
–Señor, lembramos que aquel impostor, cando estaba vivo, dixo: "Resucitarei despois de tres días". 64Así que manda que vixíen o sepulcro ata o terceiro día; non vaia ser que cheguen os discípulos e o rouben e que lle digan á xente: "Resucitou de entre os mortos!". E así a derradeira impostura sería peor que a primeira.
65Díxolles Pilatos:
–Tedes a garda, ide, e vixiádeo como mellor saibades.
66Eles foron e selaron a lousa, asegurando a vixilancia do sepulcro coa garda.

**A Resurrección** (Mc **16**, 1-8; Lc **24**, 1-12; Xn **20**, 1-10)

**28** 1Pasado o sábado, na alborada do primeiro día da semana, María Magdalena e mais a outra María foron visitar o sepulcro. 2Entón produciuse un gran terremoto, xa que o anxo do Señor, baixando do ceo, removeu a lousa e sentou enriba dela. 3Tiña o aspecto dun relampo e o seu vestido era branco coma a neve. 4Os gardas tremeron co medo, ficando coma mortos. 5Mais o anxo díxolles ás mulleres:
–Non teñades medo, ben sei que buscades a Xesús o crucificado. 6Non está aquí, resucitou tal como dixera. Vide ver o sitio onde estaba. 7E ide axiña dicirlles aos seus discípulos: "Resucitou de entre os mortos e vai diante de vós para Galilea: alí o veredes". Iso é o que vos tiña que dicir.
8Elas marcharon do sepulcro con toda a présa, con temor pero cheas de gozo; e co-

**27**, 45 O evanxelista refírese ao cumprimento da profecía de Am 8, 9, cousa que debía acontecer no día do Señor.
**27**, 46 O Sal **22** é un salmo da confianza, como se pode ver segundo avanza a devandita oración. Xesús supera a crise do abandono de Deus, poñéndose nas mans do Pai (Lc **23**, 46).
**27**, 48 Cf Sal **69**, 22.
**27**, 51 O rompemento do veo simboliza a caída do templo e canto el significa. Mentres existía aquela "tenda", soamente tiña acceso á parte mais interior o sumo sacerdote, no día de Expiación, e ningún outro día do ano. Mateo e mais Lucas aproveitan este simbolismo para indicar o paso á nova relación con Deus, aberto en Xesús (cf Heb **9**, 1-14).
**27**, 52 Insistencia do evanxelista nos sinais proféticos do "día de Iavé" (cf vv. 45. 51; Am **8**, 9).
**28**, 2 *Un gran terremoto*: O evanxelista rodeou os acontecementos da Morte e Resurrección de Xesús de todo o aparato teofánico, como correspondía á inauguración do novo tempo.
Marcos non fala dun anxo, senón dun mozo; Lucas, de dous homes.

rreron para llelo comunicaren aos seus discípulos. [9]Entón Xesús saíulles ao encontro dicindo:

–Alegrádevos.

Elas, achegándose, abrazáronlle os pés e prostráronse ante el. [10]Xesús díxolles:

–Non teñades medo: ide avisar a meus irmáns de que marchen para Galilea, que alí me verán.

### A versión dos gardas

[11]Mentres elas ían, algúns da garda foran á cidade para informaren aos sumos sacerdotes de canto acontecera. [12]Eles, reunídose cos anciáns, acordaron darlles unha boa presa de cartos aos soldados, [13]encargándolles:

–Vós dicide: "Os seus discípulos fórono roubar de noite, mentres nós durmiamos". [14]E, se o gobernador chega a saber algo, xa o convenceremos nós, sacándovos do apuro.

[15]Eles, collendo os cartos, fixeron tal como lles mandaran. E así correu este rumor entre os xudeus ata o día de hoxe.

### Misión dos discípulos (Mc **16**, 14-16; Lc **24**, 38. 46-48; Xn **20**, 19-23)

[16]Os once discípulos fóronse para Galilea ao monte onde Xesús os citara. [17]E véndoo, prostráronse ante el, aínda que algúns dubidaban. [18]Xesús, achegándose, díxolles:

–Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. [19]Ide, pois, e facede discípulos meus a todos os pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo; [20]ensinándolles a gardar canto vos mandei. Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.

**28**, 9 Os relatos das aparicións do Resucitado suscitan moitas dificultades polas súas diverxencias, se os relatos se toman á letra. Isto fai resaltar a sinxeleza narrativa das diversas tradicións, que os evanxelistas recolleron, e concentra a atención no significado teolóxico.

**28**, 10 *Galilea* é, principalmente para Mc, a patria do Evanxeo, onde o Mesías iniciou e espallou a súa Mensaxe. Significaba tamén un retorno despois de pasar por Xerusalén.

**28**, 12 Esta narración, manifestamente apoloxética, salienta a confabulación xudía, para mellor afirmar a súa cegueira, e, sobre todo, para deixar ben patente a realidade da resurrección.

**28**, 18 Podemos dicir que este é o punto cume do evanxeo de Mateo: a misión universal. A fórmula supón unha teoloxía e unha liturxia avanzada dentro xa da comunidade cristiá.

# INTRODUCIÓN AO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

**1. Autor**

*Parece ser o Xoán Marcos dos Feitos dos Apóstolos (**12**, 12-25) e da I Carta de Pedro (**5**, 13). Quizais fora fillo de María (Feit **12**, 12) e curmán de Bernabé, o compañeiro de Paulo na primeira viaxe misioneira (cf Feit **13**, 13). Cando Paulo está encadeado, en Roma, cóntanos que tiña a Marcos con el (Col **4**, 10; Flm 24). No tempo intermedio parece que estivo con Pedro, que o chama "meu fillo" (1 Pe **5**, 13). Pola importancia que lle dá ao Apóstolo san Pedro, hai quen pensa que se debería chamar este evanxeo "O Evanxeo de Pedro". Sexa ou non así, é ben certo que Marcos debeu recoller moito material das ensinanzas de Pedro, tal como nos di Ireneo, Bispo de Lión.*

*Non hai lugar á pseudoepigrafía, ao ser un evanxeo tan antigo e non aplicarlle a paternidade do mesmo a un apóstolo.*

**2. Destinatarios**

*Tiñan que ser xentes de fóra de Palestina, pois traduce os vocábulos arameos que emprega, explica os costumes xudeus e non utiliza o argumento da Sagrada Escritura para dar fe das verdades que transmite.*

**3. Tempo e lugar de composición**

*Pola súa simplicidade e por non facer mención expresa da caída de Xerusalén, pódese datar entre os anos 65 e 70.*

*O lugar puido ser Roma, tendo en conta o testemuño dos escritores eclesiásticos antigos e o feito de empregar latinismos nun tempo en que o latín estaba circunscrito á bisbarra do Lazio. Non falta sen embargo quen considera que se escribiu en Siria, en razón da súa proximidade a Galilea, "patria deste Evanxeo".*

**4. Características literarias**

*Emprega vocábulos pouco cultos, e tende a usar diminutivos. Abusa das negacións, e son frecuentes os semitismos e tamén os latinismos. No tocante ao estilo, dentro da sinxeleza acada vivacidade nas súas expresións. Fai esquemas estereotipados e une as frases por medio de conxuncións coordinadas, unha construción tipicamente semítica. Algunhas perícopes úneas por medio de certos resumos da actividade de Xesús, chamados "sumarios".*

**5. Teoloxía de Marcos**

5.1. *Para Marcos, "o Evanxeo é Xesús", de xeito que o feito de Xesús actualízase na comunidade, pola predicación. Xesús aparece como fondamente humano.*

5.2. *O Reino de Deus preséntase como a irrupción do poder de Deus manifestado polos signos que fai Xesús. Marcos pon o acento nos feitos de Xesús, que o presentan como máis forte ca Satán, especialmente nas expulsións de demos.*

5.3. *Os feitos de Xesús provocan a admiración da xente.*

5.4. *Xesús non quere que se espalle a súa condición mesiánica, senón que prefire que quede no segredo, para que non sexa mal comprendido o seu mesianismo. É o que se deu en chamar "o segredo mesiánico".*

5.5. *Marcos gusta de presentar a Xesús rodeado dos seus discípulos. Quere salientar o grupo dos Doce, elixidos por el para compartir a súa vida e para mandalos a predicar.*

5.6. *O tempo de salvación comeza co Bautista, e continúa con Xesús e cos seus discípulos.*

5.7. *Os lugares xeográficos teñen un valor teolóxico. Dicindo nos relatos da resurrección que Xesús volve a Galilea, vén significar que o Reino de Deus prevalece sobre Israel (simbolizado en Xerusalén).*

**6. Estrutura**

*Tendo en conta os lugares por onde Xesús desenvolve o seu ministerio, podemos distribuír o evanxeo deste xeito:*

6.1. *Prólogo: A beira do Xordán: **1**, 1-13.*

6.2. *Ministerio en Galilea e máis aló das fronteiras: **1**, 14-**9**, 50.*

6.3. *Subida a Xerusalén: **10**, 1-52.*

6.4. *En Xerusalén: **11**, 1-**16**, 8.*

6.5. *Apéndice: **16**, 9-20.*

# EVANXEO SEGUNDO MARCOS

## INTRODUCIÓN

**Predicación de Xoán o Bautista** (Mt **3**, 1-12; Lc **3**, 1-18)

**1** [1]Comezo do Evanxeo de Xesús Cristo, Fillo de Deus.

[2]Como está escrito no profeta Isaías:
*Mira: mándoche por diante un mensaxeiro,*
*para que prepare o teu camiño*.
[3]*Unha voz clama no deserto:*
*preparade o camiño do Señor,*
*endereitade os seus vieiros*.

[4]Presentouse Xoán no deserto bautizando: pregoando un bautismo de conversión, para lograr o perdón dos pecados. [5]E ía onda el xente de toda a provincia de Xudea e de Xerusalén; confesaban os seus pecados e el bautizábaos no río Xordán. [6]Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cinguidoiro de coiro arredor do van, e mantíñase de saltóns e mel bravo. [7]E proclamaba:

–Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, ante quen non son digno de prostrarme para lle desatar os amallós do seu calzado. [8]Eu bautizo con auga, pero el havos bautizar no Espírito Santo.

**Bautismo de Xesús** (Mt **3**, 13-17; Lc **3**, 21-22)

[9]E aconteceu por aqueles días que chegou Xesús desde Nazaré de Galilea, e Xoán bautizouno no Xordán. [10]E deseguida, mentres saía da auga, viu abrirse o ceo e baixar sobre el, coma unha pomba, o Espírito Santo. [11]E unha voz deixouse oír desde o ceo:

–Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto.

**As tentacións** (Mt **4**, 1-11; Lc **4**, 1-13)

[12]Axiña o encamiñou o Espírito ao deserto. [13]Alí permaneceu corenta días, alí o tentou Satanás; vivía entre as feras e servíano os anxos.

## PREDICACIÓN EN GALILEA

**A Boa Nova** (Mt **4**, 12-17; Lc **4**, 14-15)

[14]Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, [15]dicindo:

–O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.

**Os primeiros discípulos** (Mt **4**, 18-22; Lc **5**, 1-11)

[16]Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a Simón e mais a André, seu irmán, largando o aparello no mar: eran pescadores. [17]Díxolles Xesús:

–Vide comigo e fareivos pescadores de homes.

[18]E deixando decontado o aparello, seguírono. [19]Un pouco máis adiante viu a Santiago, fillo de Zebedeo e mais a Xoán, seu irmán; estaban arranxando o aparello na barca. [20]E deseguida os chamou. Éles, deixando a seu pai, Zebedeo, e mais os seus tripulantes na barca, seguírono.

**Curación na sinagoga** (Lc **4**, 31-37)

[21]Viñeron a Cafarnaúm, e, ao chegar o sábado, púxose a ensinar na sinagoga.

**1**,1 Ese "Evanxeo" ou "Boa Nova", é a boa nova de Xesús. Despois da resurrección, a Boa Nova ven sendo o propio Xesús, pois con el chega o Reino de Deus. Marcos, que ao longo do seu escrito, presentará a admiración da xente ante a personalidade de Xesús, constata no comezo da súa obra (**1**, 1) e case no remate (**15**, 39), a súa condición de "Fillo de Deus", desvelando así o "misterio" que invade a maior parte do seu escrito.
**1**, 2 Xoán o Bautista, ademais de ser o profeta do deserto, é o "Elías redivivo". Faise unha interpretación mesiánica de Mal **3**, 1, ao cambiar Mc "meu camiño" (en Mal referido a Deus), por "teu camiño" (referido ao Mesías), aplicándolle así a Xesús o que se dicía de Deus.
**1**, 3 Is **40**, 3.
**1**, 4 *Conversión* (*metánoia*) quere dicir cambio de vida, conforme a vontade de Deus.
**1**, 6 Posible alusión á vestimenta de Elías (2 Re **1**, 8). Cf II Zac.
**1**, 8 Respecto ao bautismo, véxase nota a Mt **3**, 6.
**1**, 10 O abrirse o ceo é un signo para significar unha comunicación divina (cf Ez **1**, 1), de cara a unha misión.
**1**, 11 O que se afirma ao comezo (**1**, 1) e tamén case no remate do evanxeo (**15**, 39), proclámao agora o Pai celestial (cf Is **42**, 1).
**1**, 12 O Espírito non arreda a Xesús dos problemas terreais, senón que o deixa participar das dificultades humanas. Así dáse exemplo a calquera bautizado, que ten que afrontar as tentacións e tribulacións propias dos seres humanos.
**1**, 14 A diferenza do xudaísmo, que agardaba a chegada do Reino á fin do mundo, Xesús anuncia que ese Reino xa chegou.
**1**, 16-20 Un dos temas que desenvolve Mc ao longo do seu evanxeo, é o do seguimento de Xesús. A actitude dos apóstolos, que acompañan ao seu Mestre, é un exemplo para os crentes, que deben seguir tamén os vieiros de Xesús.

22Todos estaban abraiados da súa doutrina,
pois ensinaba coma quen ten autoridade, non
coma os letrados. 23E cadrou que había na-
quela sinagoga un home posuído por un mal
espírito, e púxose a berrar:
24–Que temos que ver contigo, Xesús de
Nazaré? Seica viñeches para acabar connos-
co? Ben sei quen es ti: ti es o Santo de Deus.
25Xesús mandoulle:
–Cala, e bótate fóra dese home.
26O espírito malo sacudiuno, pegou un be-
rro moi alto e saíu del. 27Todos ficaron pas-
mados, e discutían entre si, dicindo:
–Que é isto? Unha nova doutrina, e con
autoridade; enriba, dálles ordes aos espíritos
malos, e eles obedéceno.
28E a súa sona espallouse decontado por
toda a rexión de Galilea.

**Curación da sogra de Pedro e doutros enfermos** (Mt **8**, 14-17; Lc **4**, 38-44)

29Despois de saír da sinagoga, foi á casa
de Simón e mais de André, con Santiago e
Xoán. 30A sogra de Simón estaba na cama
con febre, e axiña lle falaron dela. 31E, ache-
gándose, colleuna pola man e ergueuna;
desapareceulle a febre e púxose a servilos.
32Chegada a tardiña, xa de sol posto, levárон-
lle todos os enfermos e endemoñados; 33a
vila enteira se amoreou na porta. 34E sandou
a moitos enfermos de varias doenzas e botou
moitos demoños. Pero aos demoños non os
deixaba falar, porque o coñecían ben.
35Erguéndose moi cedo, aínda de noite,
saíu para un lugar arredado, onde se puxo
a orar. 36Simón e mais os seus compañeiros
fórono seguindo, 37e cando o atoparon, dixé-
ronlle:
–Todos te andan a buscar.
38El respondeu:
–Vaiamos a outro sitio, ás aldeas veciñas,
para predicarmos tamén alí, que para isto vin.
39E foi predicando polas sinagogas de Ga-
lilea, botando fóra os demos.

**Curación dun gafo** (Mt **8**, 2-4; Lc **5**, 12-16)

40Acercóuselles un gafo, e rogoulle de
xeonllos:
–Ti, se queres, pódesme limpar.
41Xesús, estremecido, alongou a man, e to-
couno, dicindo:
–Pois quero: queda limpo.
42E no instante desapareceulle a lepra, que-
dando limpo. 43E despediuno, e, poñéndose
moi serio, mandoulle:
44–Mira, non lle vaias dicir nada a ningué
ningún; preséntate ao sacerdote, e fai pola túa
purificación as ofrendas mandadas por Moi-
sés, para que lles conste.
45Pero, mal se foi, aquel home botouse a
pregoar a nova, espallándoa de tal xeito que
Xesús xa non podía entrar en vila ningunha,
senón que quedaba fóra, nos arredores apar-
tados. Pero aínda así acudían a el de todas
as partes.

**Curación dun paralítico** (Mt **9**, 1-8; Lc **5**, 17-26)

**2** 1De alí a uns días entrou de novo en Cafar-
naúm, e sóubose que estaba na casa; 2tan-
tos se xuntaron que nin diante da porta había
xa sitio. El expoñíalles a Palabra. 3Entón, en-
tre catro, trouxeron un home tolleito. 4Pero,
non podendo chegar ao pé del, pola moita
xente que había, levantaron o teito onde el
estaba, e abriron un furado ata poderen meter
o leito co enfermo e descolgalo. 5Xesús, ven-
do a fe que tiñan, díxolle ao tolleito:
–Meu fillo, quédanche perdoados os teus
pecados.
6Pero alí sentados estaban algúns letrados,
que matinaban para os seus adentros: 7"Pero,
que está a dicir este home? Está blasfeman-
do. Quen pode perdoar os pecados, senón
unicamente Deus?".
8Xesús, decatándose axiña do que estaban
cavilando, díxolles:
–Por que razoades así nos vosos aden-
tros? 9Que é máis fácil? Dicirlle a este to-

**1**, 22 *Autoridade*, dado o carácter profético que lle atopa-
ban; os letrados aparecen aquí como simples expositores.
**1**, 24 *Santo de Deus*: así é chamado Eliseo en 2 Re **4**, 9,
como profeta carismático.
**1**, 28 Os feitos de Xesús provocan a admiración da xente,
que se pregunta polas raíces da personalidade que mos-
tra.
**1**, 34 As expulsións dos demos manifestan que a chegada
do Reino de Deus –coa conseguinte derrota dos poderes
demoníacos– é un feito.
**1**, 41 *Estremecido* pode ser "compadecido" ou "irado",
segundo outros ms. A ira de Xesús podería deberse: 1)
Ao comportamento do leproso, que transgredía a Lei de
Moisés ao mesturarse coa xente, poñendo os veciños en
perigo de contaxio; 2) á ira contra o espírito causante da
lepra; 3) a ter que revelar antes de tempo o "segredo me-
siánico".
**1**, 44 O chamado "segredo mesiánico" consiste na in-
sistencia de Xesús en prohibir pregoar as súas palabras
e feitos. Algúns críticos interprétano como un artificio
dos evanxelistas, para xustificaren a non existencia da
proclamación do propio mesianismo por parte de Xesús.
Puidera ser máis ben unha medida de prudencia na am-
bigüidade interpretativa e persecutoria na que se movía.
Mc daríalle a súa propia "coloración" teolóxica.
**2**, 7 O perdón é prerrogativa divina no A. T.: de aí o es-
cándalo deles. Co milagre no seu nome, tamén atributo
divino, confirma as súas palabras.

lleito: “Quédanche perdoados os teus pecados”, ou dicirlle: “Érguete, colle a padiola e vaite?”. [10]Pois para que vexades que o Fillo do Home ten poder para perdoar os pecados [11]–díxolle ao tolleito–: Colle a padiola e vaite á túa casa.

[12]E así foi: no instante, ergueuse, colleu o leito e foise diante de todos, de tal modo que todos ficaron pasmados, e daban gloria a Deus dicindo:

–Nunca tal cousa vimos!

**Vocación de Mateo** (Mt **9**, 9-13; Lc **5**, 27-32)

[13]Volveu saír para a beira do mar, e a xente toda seguía acudindo. E el instruíaos. [14]Ao pasar, viu a Leví, o de Alfeo, sentado no telonio cobrando os tributos, e dille:

–Sígueme.

El ergueuse, e seguiuno.

[15]Aconteceu que estando Xesús á mesa de Leví, acompañado dos seus discípulos e mais outros recadadores de tributos e pecadores pois eran moitos os que o seguían, [16]os letrados e fariseos, véndoo comer con eles, dixéronlles aos discípulos:

–Como é que come cos recadadores e pecadores?

[17]Xesús sentiunos, e contestoulles:

–Non son os sans, senón os enfermos, os que precisan médico. Eu non vin chamar polos xustos, senón polos pecadores.

**Discusión polo xaxún** (Mt **9**, 14-17; Lc **5**, 33-39)

[18]Un día no que os discípulos de Xoán e mais os fariseos gardaban o xaxún, viñéronlle preguntar:

–Como é que mentres os discípulos de Xoán e mais os dos fariseos gardan o xaxún, os teus non o gardan?

[19]Xesús contestoulles:

–Pero, logo, poden os convidados á voda xaxuar mentres dura a voda? Mentres teñan consigo o esposo non poden xaxuar. [20]Xa virá o día no que lles leven o esposo, e daquela si que xaxuarán. [21]Ninguén lle bota un remendo de pano novo a un vestido vello, porque o novo tiraría polo vello e a rachadura faríase máis grande. [22]Tampouco ninguén bota viño novo en pelellos vellos, porque o viño rebentaría os pelellos, e perderíanse pelellos e viño. Xa sabedes: a viño novo, pelellos novos.

**Xesús defende os seus discípulos** (Mt **12**, 1-8; Lc **6**, 1-5)

[23]Un sábado cadrou que pasaron por uns terreos sementados; os seus discípulos, mentres ían de camiño, empezaron a arrincar espigas. [24]Entón dixéronlle os fariseos:

–Mira para aí, por que fan o que non lles está permitido facer nun sábado?

[25]El respondeulles:

–Seica non sabedes o que fixo David, cando el e mais os seus acompañantes se viron apurados e con fame? [26]No tempo do sumo sacerdote Abiatar entrou na casa de Deus e comeu o pan ofrecido –pan que só podían comer os sacerdotes– e repartiu incluso cos seus compañeiros.

[27]E concluíu:

–O sábado fíxose para o servizo do home, e non o home para o servizo do sábado. [28]Así que o Fillo do Home é Señor incluso do sábado.

**A curación nun sábado** (Mt **12**, 9-14; Lc **6**, 6-11)

**3** [1]De novo entrou na sinagoga; alí atopou un home que tiña a man tolleita. [2]Todos estaban atentos, a ver se se atrevía a curalo en pleno sábado, para o poderen acusar. [3]Entón díxolle Xesús ao home da man tolleita:

–Érguete e ponte no medio.

[4]E preguntoulles:

–Que está permitido no sábado: facer o ben, ou facer o mal; salvar a vida ou matar?

Pero ninguén falou palabra. [5]E botándolles unha ollada, chea de carraxe e tristura, debido á dureza dos seus corazóns, díxolle ao enfermo:

–Estende a túa man.

**2**, 10 Sobre o Fillo do Home, véxase nota a **8**, 20.
**2**, 15 Respecto aos publicanos, véxase Introd. ao N. T. 2. a. e mais nota de **9**, 11.
**2**, 18 A obriga do xaxún reducíase a unha vez no ano (o “Día da Expiación”); pero os fariseos xaxuaban dúas veces cada semana (os luns e os xoves).
**2**, 19 Referencia á parábola do banquete. A Igrexa primitiva, para xustificar o seu xaxún, refire a presenza do esposo á vida mortal de Xesús.
**2**, 21 A novidade que ofrece Xesús non encaixa en moldes vellos: non é abondo facer certas reformas na Antiga Alianza, senón que se precisa un cambio total de mentalidade.
**2**, 26 *O pan ofrecido*: Trátase dos “pans de proposición” (cf Éx **25**, 23-30; Lev **24**, 5-9), que estaban enriba dunha mesa, na parte do templo nomeada “o Santo”, á que tiñan acceso soamente os sacerdotes.
**2**, 27s Á afirmación de que o Fillo do Home ten poder para perdoar os pecados (v. 10), únese esta de ser “señor do sábado”, tomando ocasión da posibilidade que ofrece o xogo de palabras “home” e “fillo do home”.
**3**, 4 Como o sábado era día de absoluto descanso, “facer ben ou facer mal” equivalía a dicir: “Non se pode facer absolutamente nada”.

El estendeuna, e a man curou. [6]E xa ao saíren da sinagoga, os fariseos empezaron a maquinar cos herodianos no xeito de acabaren con el.

**Novas curacións na ribeira do mar de Galilea** (Mt **4**, 24-25; Lc **6**, 17-19)

[7]Xesús foi cos seus discípulos para a ribeira do mar, seguido por unha grande multitude, chegada de Galilea e Xudea. [8]Tamén de Xerusalén, Idumea, da outra banda do Xordán e mais da comarca de Tiro e Sidón. Acudiron a el, despois de oíren as cousas que facía. [9]El encargoulles aos seus discípulos que lle tivesen preparada unha lanchiña, para que a xente non se lle botase enriba; [10]porque curara a tantos que todos o querían tocar e ficar así ceibos das súas doenzas. [11]Mesmo os malos espíritos, cando o vían, se prostraban ante el, proclamando:

–Ti es o Fillo de Deus!

[12]Pero el ameazábaos, para que non o descubrisen.

**A elección dos Doce** (Mt **5**, 1; **10**, 1-4; Lc **6**, 12-16)

[13]E subindo ao monte, chamou os que el quixo, e xuntáronse con el. [14]Logo designou doce para que o acompañasen, e para mandalos a predicar [15]con poder de botar o demo fóra. [16]Estes foron os Doce que designou: Simón, a quen lle puxo de nome Pedro; [17]Santiago, o fillo de Zebedeo e mais o seu irmán Xoán, aos que lles puxo de sobrenome *Boanerxes*, que quere dicir fillos do Trebón; [18]André e Felipe, Bartolomeu e Mateo, Tomé e Santiago o fillo de Alfeo, Tadeo e Simón o Celote, [19]e Xudas Iscariote, o traidor.

**Calumnias dos letrados, e desconfianza dos seus parentes** (Mt **12**, 24-32; Lc **11**, 15-23; **12**, 10)

[20]E foron para a casa; alí xuntouse de novo tanta xente, que nin podían comer. [21]E cando o souberon os seus parentes, foron buscalo á forza; porque a xente dicía que trocara o sentido. [22]Os letrados que baixaran de Xerusalén, dicían:

–Ten dentro a Belcebú; bota fóra os demoños co poder do príncipe dos demoños.

[23]El chamou por eles e púxolles estas comparanzas:

–Como pode Satanás botar a Satanás? [24]Se un reino está dividido en contra de si mesmo, non se pode manter en pé. [25]Se unha casa está dividida en contra de si mesma, non pode subsistir. [26]Así que, se Satanás está dividido e loita contra si mesmo, non pode subsistir e está perdido. [27]Ninguén pode entrar na casa dun home forte e roubarlle canto ten, se primeiro non o amarra; só entón poderá arramplar con canto hai na casa. [28]Tede por seguro que todo se lles perdoará aos homes, os pecados e cantas blasfemias digan; [29]pero a quen blasfeme contra o Espírito Santo, nunca se lle perdoará, e cargará eternamente co seu pecado.

[30]Isto dicíao porque eles acusábano de que tiña dentro un espírito malo.

**A nai e os irmáns de Xesús** (Mt **12**, 46-50; Lc **8**, 19-21)

[31]Nisto chegan súa nai e mais seus irmáns, e mandárono chamar desde fóra. [32]Era moita a xente que estaba sentada arredor del, e fóronlle dicir:

–Aí fóra están túa nai e mais teus irmáns, que te veñen buscar.

[33]El respondeu:

–Quen é miña nai, e quen son meus irmáns?

[34]E mirando os que estaban sentados arredor del, dixo:

–Velaquí miña nai e mais meus irmáns: [35]pois o que cumpra a vontade de Deus, ese é o meu irmán, a miña irmá e miña nai.

**Parábola da semente** (Mt **13**, 1-9; Lc **8**, 4-8)

**4** [1]E púxose de novo a aprendelos á beira do mar. Tanta era a xente reunida ao pé del, que tivo que subir para sentar nunha barca fondeada no mar, mentres o xentío estaba en terra, na ribeira. [2]Aprendeulles moitas cousas en parábolas, e instruíaos así:

**3**, 8 A *Idumea* é o nome grego do territorio de Edom, ao S de Israel.

**3**, 11 Non só o Pai (**1**, 11; **9**, 7), Pedro (**8**, 29) e o centurión (**15**, 39) recoñecen a condición mesiánica de Xesús, senón tamén os propios demos.

**3**, 13 A elección dos Doce, xunto coa vocación dos primeiros discípulos (**1**, 16-20) e a misión prepascual (**6**, 6b-13) teñen importancia na estrutura de Mc, para presentar o novo pobo de Deus, do que ofrece agora como as primicias, neses doce discípulos (o pobo do A. T. tiña as súas primicias nos doce fillos de Xacob).

**3**, 18 *Celote* (vocábulo grego), equivale ao arameo *cananeo*; cf nota a Mt **10**, 4.

**3**, 21 Chegáranlles voces de que estaba fora de si, cousa nada estraña, tendo en conta a humildade da familia e a excelsitude da mensaxe que pregoaba.

**3**, 29 A blasfemia refírese a atribuír as obras do Espírito a Belcebul: sería pecharse a toda luz, o que conduce á obstinación.

**3**, 31 *Irmán* pode designar irmáns carnais ou mesmo parentes (cf nota a Xn **2**, 12).

3–Escoitade: Dunha vez saíu un labrador a
sementar. 4E resulta que, ao botar a semente,
parte dela foi caendo polo camiño adiante;
viñeron os paxaros, e comérona. 5Outra caeu
entre as pedras, onde a penas había terra; e
naceu decontado, porque a terra non tiña fon-
dura; 6pero non ben saíu o sol, queimouna, e,
como non tiña raíz, secou. 7Outra parte caeu
na silveira, e, ao medraren as silvas, afogáro-
na, e non a deixaron dar froitos. 8Outra caeu
en boa terra; naceu, creceu e chegou a dar
froitos: o trinta, o sesenta, e aínda o cento por
un.
9E concluíu:
–Quen teña oídos para oír, que escoite.

**Motivo das parábolas** (Mt **13**, 10-15; Lc **8**, 9-10)

10Máis tarde, cando ficou só, os que o
acompañaban xunto cos Doce, preguntában-
lle polas parábolas.
11El respondeu:
–A vós concedéusevos coñecer o misterio
do Reino de Deus; pero aos de fóra soamente
en parábolas, 12de tal xeito que

*mirar miren, pero non vexan;*
*escoitar escoiten, pero non entendan:*
*non sexa que se convertan*
*e se lles perdoe*.

13E continuou:
–Se non comprendedes esta parábola,
como ides comprender todas as outras? 14O
sementador sementa a Palabra. 15Os do ca-
miño son aqueles nos que se sementa a Pa-
labra, pero cando a escoitan vén Satanás e
repáñallela. 16Da mesma maneira son aque-
les que deseguida reciben a semente con ale-
gría, pero pásalles o mesmo do que á semen-
tada entre as pedras: 17por non teren raíces e
seren inconstantes, mal veñen as dificultades
ou a persecución por causa da Palabra, dese-
guida abandonan. 18A outros pásalles coma á
semente caída entre as silvas: si, escoitan a
Palabra, 19pero moi axiña as preocupacións
do mundo, o engano das riquezas e mais as
ambicións, asolágana, afógana, e queda sen
froito. 20Pero os que son coma a boa terra,
escóitana, acóllena e dan moito froito: uns
o trinta, outros o sesenta, e outros o cento
por un.

**Outras comparacións: o candil** (Mt **5**, 15; **10**, 26; Lc **8**, 16-18; **11**, 33; **12**, 2)

21E dicíalles tamén:
–Pero é que se trae un candil para metelo
debaixo do modio ou debaixo da cama? Non
será para poñelo enriba do candeeiro? 22Por-
que se hai algo oculto, é para que se descu-
bra; nin nada se fai en secreto, se non é para
traelo á luz pública. 23Quen teña oídos para
oír, que escoite.
24Dicíalles tamén:
–Atendede ben ao que estades escoitando.
Coa medida que midades, hanvos medir a
vós, e ben sobrado. 25Porque ao que ten, há-
selle dar; pero ao que non ten, aínda o que ten
se lle quitará.

**A semente que crece**

26E dixo tamén:
–Así é o Reino de Deus: coma un home
que bota a semente na terra, 27e, durma ou
estea esperto, sexa de noite ou de día, a se-
mente agroma e medra, sen que el chegue a
saber como. 28A terra vai dando froito por si
mesma: primeiro herba, logo espigas, e por
último o gran ben abundante na espiga. 29E
cando xa está achegado o froito, deseguida
se lle mete o fouciño por ser o tempo da sei-
tura.

**O gran de mostaza** (Mt **13**, 32-34; Lc **13**, 18-19)

30E tamén dicía:
–Con que compararemos o Reino de
Deus? 31É coma o gran de mostaza, que can-
do se sementa na terra é a máis miúda de to-
das as sementes. 32Pero despois de sementala,
medra ata ser a maior de todas as hortalizas,
chegando a botar unhas pólas tan grandes que
na súa sombra poden vir aniñar os paxaros.
33E así con moitas comparanzas coma es-
tas, íalles mostrando a mensaxe, de xeito que
puidesen entender. 34Non lles falaba máis que
en parábolas, pero logo explicáballelas aos
seus discípulos.

**4**, 12 Is **6**, 9-10. Outros traducen: "...a non ser que, converténdose, se lles perdoen os pecados". Mc, ao revés de Mt (véxase nota a Mt **13**, 11), pon a cegueira como consecuencia de falar en parábolas. Así as parábolas, dirixidas a estimular o enxeño, non eran ben interpretadas por moitos xudeus, debido á mala disposición que tiñan. Con isto a Igrexa primitiva xustificaba a pouca acollida do cristianismo entre os xudeus.

**4**, 13 Un bo número de estudosos consideran que a interpretación da parábola (**4**, 13-20) non pertence a Xesús, senón á Igrexa primitiva, a xulgar polo vocabulario empregado, e tamén polo feito de non estar incluída no Evanxeo apócrifo de Tomé.

**4**, 25 Algúns ditos coma o presente son máximas xerais, que atopan máis sentido noutros lugares (cf Mt **13**, 12; **25**, 28-29; Lc **19**, 26).

**4,** 30 O Reino de Deus xa chegou, pero a súa presenza no mundo non se fai sentir tanto coma no tempo futuro: xa está presente, pero medrará aínda, coma a semente da mostaza.

**Calma e tempestade** (Mt **8**, 18. 23-27; Lc **8**, 22-25)

35E naquel día á caída da noite, díxolles:
–Veña, vamos para a banda de alá.
36Eles, deixando a xente, levárono no bote onde estaba sentado; e ían seguidos por outras barcas. 37E formouse tal remuíño de vento que os salseiros caían enriba do bote e enchíano de auga. 38El, entrementres, estaba na popa durmindo sobre un cabezal. Fórono espertar, gritándolle:
–Mestre, seica non che importa que afoguemos?
39Entón el, espertando, increpou ao vento, e díxolle ao mar:
–Silencio, e acouga!
O vento amainou, e veu unha gran calma.
40Despois díxolles:
–Por que tedes tanto medo? Seica aínda non tedes fe?
41Eles, cheos de gran temor, comentaban entre si:
–Pero, quen será este, que mesmo o vento e o mar o obedecen?

**Curación dun endemoñado** (Mt **8**, 28-34; Lc **8**, 26-39)

**5** 1Chegaron á outra banda do mar, ao país de Gadara. 2E conforme saltou da barca, un endemoñado saíulle ao encontro desde os sepulcros 3onde moraba, pois nin con cadeas o podían apreixar. 4Moitas veces xa intentaran termar del con cadeas e grillóns; pero rompía as cadeas e esnaquizaba os grillóns, e ninguén era capaz de domealo. 5Pasaba os días e as noites berrando polos sepulcros monte adiante, mancándose coas pedras. 6Axiña que viu a Xesús de lonxe, foi correndo prostrarse ante el, 7gritando con toda forza:
–Que teño que ver contigo, Xesús, Fillo do Altísimo? Pídoche por Deus que non me atormentes.
8Pois Xesús mandáralle:
–Bótate fóra dese home, espírito malo.
9E preguntoulle tamén:
–Como te chaman?
El respondeulle:
–Chámanme Lexión, porque somos moitos.
10E pedíalle con moita ansia que non os botase daquela terra. 11E como había unha boa manada de porcos comendo pola aba do monte, 12todos aqueles demos rogáronlle a Xesús:
–Mándanos onda aqueles porcos, para entrarmos neles.
13El accedeu e, saíndo do home, fóronse meter nos porcos, que en número duns dous mil se chimparon polo barranco abaixo, e foron afogar no mar. 14Os porqueiros fuxiron, levando a nova á vila e ás aldeas. A xente ía ver o que pasaba. 15Chegaron onde estaba Xesús, e viron o endemoñado, o mesmo que tivera a lexión, sentado e cheo de xuízo; todos ficaron pasmados. 16Os que presenciaron aquilo contáronlles o que pasara co endemoñado e mais cos porcos. 17Entón empezaron a pedirlle que se afastara daquelas terras.
18E cando el se embarcara, o que estivera endemoñado rogáballe que o deixase ir con el. 19Pero Xesús non llo permitiu, senón que lle dixo:
–Vai para a túa casa, onda os teus, e cóntalles todo o que o Señor, compadecido, fixo contigo.
20El marchou e comezou a pregoar, pola Decápolis adiante, canto lle fixera Xesús. Todos ficaban pasmados.

**A filla de Xairo e a muller con hemorraxias** (Mt **9**, 18-26; Lc **8**, 40-56)

21Pasando de novo nunha barca para a banda de enfronte, xuntouse moita xente arredor del, que estaba na beira do mar. 22Nisto chegou un dos xefes da sinagoga, chamado Xairo, que, ao velo, botouse aos seus pés 23suplicándolle:
–A miña filla está a piques de morrer; ven impor sobre ela as túas mans, para que sande, e viva.

**4**, 36 Hai un gran simbolismo nesta pasaxe, na que a barca representa a Igrexa no medio das dificultades, das que a defenden os poderes de Xesús. É preciso ter fe e perseverar.
**4**, 41 Os discípulos quedan admirados polos feitos de Xesús. Deus válese desas actuacións de Xesús, para encamiñalos á fe. Isto frutificará no recoñecemento de Xesús como Mesías (cf **8**, 29).
**5**, 1 Trátase do "país dos Xerasenos". Na pasaxe paralela, Mt di "dos gadarenos" (por iso algúns manuscritos de Mc len "gadarenos", por transposición do termo de Mt). Trátase da rexión que está ao SL do lago de Tiberíades, e que ten a Xerasa como vila máis importante.
**5**, 10 Aquela terra era de pagáns. Xesús vai alí liberar o home, e envía os demos aos porcos, animais considerados impuros polos xudeus. Mc aproveita unha narración popular, para aclarar un aspecto da misión de Xesús.
**5**, 15 Tamén os pagáns se admiran, polos poderes de Xesús (cf vv. 20. 42).
**5**, 20 *Decápolis* significa "dez cidades": tratábase, por certo, de dez cidades pagás confederadas, as máis delas na outra banda do Xordán (cf mapas).

[24]E foise con el, seguido de moito xentío,
que o estrullaba. [25]Había unha muller, que
padecía hemorraxias desde doce anos atrás,
[26]e levaba sufrido moito cos médicos, que lle
acababan cos bens; total para nada, porque
a cada paso ía a peor. [27]Como oíra falar do
que facía Xesús, achegouse entre a xente por
detrás e tocoulle o seu vestido, [28]dicindo para
si: "Aínda que non sexa máis que tocarlle
o seu vestido, ficarei sa". [29]E secándoselle
a fonte da hemorraxia, sentiu no seu corpo
que estaba curada do mal. [30]Axiña Xesús, de-
catándose da forza que saíra del, volveuse e
preguntou:

–Quen me tocou na roupa?

[31]Os discípulos respondéronlle:

–Ti ben ves a xente preméndote; e aínda
preguntas por quen te tocou?

[32]Pero el seguía mirando arredor, para ver
quen fora. [33]Daquela, a muller, amedrentada
e tremendo, sabendo o que lle sucedera, veu
caer ante el contándolle toda a verdade. [34]El
díxolle:

–Filla, a túa fe sandoute. Vai en paz, cura-
da para sempre da túa doenza.

[35]Aínda estaba el falando, cando chegaron
da casa do xefe da sinagoga a dicirlle:

–A túa filla acaba de morrer. Para que an-
dar xa molestando ao Mestre?

[36]Pero Xesús, ao escoitar o que estaban a
falar, díxolle ao xefe da sinagoga:

–Non temas, abonda que teñas fe.

[37]E non permitiu que ninguén o acompaña-
se, fóra de Pedro, Santiago e Xoán, o irmán
de Santiago. [38]Ao chegaren á casa do xefe da
sinagoga, vendo o gran barullo que facían
con choros e lamentos, [39]entrou e díxolles:

–A que vén tanto barullo e tanto chorar? A
meniña non morreu, está a durmir.

[40]E todos facían riso del. Pero botándoos a
todos fóra e levando con el os pais da meni-
ña e mais os seus acompañantes, entrou onde
estaba a nena. [41]Colleuna pola man e díxolle:

–*Talithá, qumi* (que quere dicir: rapaza,
érguete).

[42]A rapaciña ergueuse decontado, e botou-
se a andar, que xa tiña doce años. E aquela
xente quedou coa boca aberta. [43]El insistiu-
lles en que non llo contasen a ninguén, e
mandou que lle desen de comer á rapaza.

**Na sinagoga de Nazaré** (Mt **13**, 53-58; Lc **4**, 16-30)

**6** [1]Saíndo de alí, foise para a súa vila,
acompañado polos seus discípulos. [2]Can-
do chegou o sábado, empezou a ensinar na
sinagoga. E moita da xente que o escoitaba
dicía abraiada:

–De onde lle veñen a este todas esas cousas?
Que sabedoría é esa que lle ensinaron, e como
pode facer tantos milagres pola súa man? [3]Non
é este o carpinteiro, fillo de María e irmán de
Santiago, Xosé, Xudas e mais Simón, e as súas
irmás non viven aquí connosco?

Estaban realmente escandalizados. [4]Pero
Xesús díxolles:

–Non é desprezado un profeta máis que na
súa terra, na súa casa, ou entre os seus pa-
rentes.

[5]E non puido realizar alí ningún milagre,
fóra dalgunhas curacións, que fixo impoñen-
do as mans. [6]Estaba sorprendido por aquela
incredulidade. E dedicouse a andar polas al-
deas dos arredores, ensinando.

**A misión dos apóstolos** (Mt **10**, 1. 9-15; Lc **9**, 1-6)

[7]Entón chamou os Doce, e empezou a
mandalos de dous en dous, dándolles poder
sobre os espíritos malos. [8]Recomendoulles
que non levasen nada para o camiño, fóra
dun caxato: nin pan, nin alforxas, nin cartos
na faixa. [9]Que calzasen sandalias, pero que
non levasen máis ca unha túnica.

[10]E avisounos:

–Cando entredes nunha casa, permanece-
de nela ata que vós marchedes. [11]Se nalgún
lugar non vos acolleren nin vos escoitaren,
ídevos, sacudindo o po dos vosos pés, para
que lles sirva de aviso.

[12]Marcharon, e predicaron a conversión.
[13]Botaban fóra moitos demoños, e curaban os
enfermos, unxíndoos con aceite.

**Morte de Xoán o Bautista** (Mt **14**, 1-12; Lc **3**, 19-20; **9**, 7-9)

[14]Como a sona de Xesús se estendía por
todas partes, chegou aos oídos do rei Hero-
des, xunto cos comentarios que facían: "É o
mesmo Xoán o Bautista resucitado de entre
os mortos, e por iso actuaban nel eses pode-

**6**, 1 Este episodio vén ser coma un final tráxico da predicación de Xesús en Galilea, que prefigura a repulsa de Israel, e marca unha nova etapa de dedicación á formación dos Doce.

**6**, 3 Cf nota a Xn **2**, 12.

**6**, 5 Cf Mt **13**, 58.

**6**, 7 Trátase da chamada "misión prepascual": Xesús manda os seus discípulos a predicar a conversión e realizar obras semellantes ás do seu Mestre, testemuñando así a chegada do Reino de Deus.

**6**, 8 Mc modifica o texto (tamén presente en Mt e Lc), e omite a prohibición de ir á terra de pagáns e mais ás vilas de samaritanos, o que fai entrever un estadio máis evolucionado da Igrexa primitiva.

res”. [15]Outros dicían que era Elías ou algún profeta. [16]Pero Herodes dicía:

–É Xoán o Bautista, a quen eu mandei decapitar, que está resucitado.

[17]Porque Herodes mandara encadear a Xoán por causa de Herodías, a muller de seu irmán Filipo, coa que el casara. [18]Xoán non paraba de lle dicir:

–Non che está permitido vivir coa muller do teu irmán.

[19]Por iso Herodías colléralle xenreira a Xoán, e quería matar. [20]Pero Herodes temía a Xoán, sabendo que era home xusto e santo, e protexíao; mesmo lle gustaba oílo falar, aínda que quedase desacougado. [21]Pero chegou a ocasión axeitada, cando Herodes, no día que facía anos, deu un banquete aos ministros, oficiais e xente importante de Galilea. [22]Resulta que, entrando a filla da mesma Herodías, bailou moi ben, e gustoulle moito a Herodes e a todos os convidados. Entón o rei díxolle á rapaza:

–Pídeme o que queiras, que cho hei dar. [23]E xurou: –Dareiche o que me pidas, aínda que sexa a metade do meu reino.

[24]Vaise a rapaza onda a nai e pregúntalle:

–Que lle pedirei?

Ela díxolle:

–Pídelle a cabeza de Xoán o Bautista.

[25]E volvendo axiña onda o rei, díxolle:

–Quero que me deas decontado, nunha bandexa, a cabeza de Xoán o Bautista.

[26]O rei púxose moi triste, pero, polos xuramentos e mais polos convidados, non quería defraudala. [27]E deseguida mandou a un verdugo traer a cabeza de Xoán; cortoulla, [28]tróuxoa nunha bandexa, para lla dar á rapaza, que non tardou en levarlla a súa nai. [29]Cando os seus discípulos o souberon, recolleron o cadáver e fórono enterrar.

**Primeira multiplicación do pan** (Mt **14**, 13-21; Lc **9**, 10-17; Xn **6**, 1-13)

[30]Cando volveron a reunirse con Xesús, os apóstolos contáronlle canto fixeran e ensinaran. [31]El díxolles:

–Vide vós comigo a un lugar arredado, e descansade un pouco.

Eran moitos os que ían e viñan, e nin para comer atopaban tempo.

[32]Fóronse sos na barca a un lugar arredado. [33]Pero, ao velos marchar, a xente foinos seguindo por terra desde todas as vilas, e chegaron primeiro ca eles. [34]Así, cando desembarcaron, atopouse cunha gran multitude. El, conmovido, porque eran coma ovellas sen pastor, púxose a predicar ensinándolles moitas cousas. [35]Como se facía tarde, acercáronselle os discípulos e dixéronlle:

–Por aquí non hai casas e xa pasa moito da hora: [36]vai ser mellor que os despidas, para que vaian ás aldeas e vilas veciñas, e merquen algo de comer.

[37]Pero el respondeulles:

–Dádelles vós de comer.

Contestaron:

–Imos, logo, mercar douscentos denarios de pan para lles darmos de comer?

[38]El preguntoulles:

–E, logo, canto pan tedes?

Fixeron o reconto e dixeron:

–Por xunto temos cinco bolos e mais dous peixes.

[39]El mandounos sentar en grupos na herba verde. [40]E fóronse sentando en grupos de cen ou cincuenta. [41]Colleu os cinco bolos e mais os dous peixes, ergueu a vista ao ceo, bendiciunos, e partiu os bolos, e déullelos aos discípulos, para que os servisen; e repartiu tamén os dous peixes entre todos. [42]Comeron todos ata se fartaren [43]e recolleron de anacos e das sobras dos peixes doce cestos cheos. [44]E os que comeran os pans eran cinco mil homes.

**Anda por riba da auga** (Mt **14**, 22-33; Xn **6**, 16-21)

[45]Deseguida mandou aos seus discípulos que embarcasen e fosen indo diante para Betsaida, mentres el despedía a xente. [46]E cando rematou de se despedir, foi orar ao monte. [47]Fíxose noite, e a barca estaba no medio do mar, mentres el quedaba só en terra. [48]Vendo o fatigados que estaban de tanto vogar co vento en contra, ao raiar o día foi cara a eles, andando polo mar. [49]Pero eles, ao velo andar polo mar, coidaron que era unha pantasma, e empezaron a berrar. [50]Mais el, decontado, faloulles:

–Tranquilos, que son eu. Non teñades medo.

**6**, 18 Os evanxeos refiren que Herodes mandou matar a Xoán pola reprensión do adulterio; mais puido ser, como sinala Flavio Xosefo, por temer unha sublevación inducida por Xoán.

**6**, 37 *Douscentos denarios*: máis de medio ano de xornal, pois un denario era o xornal de cada día.

**6**, 41 As palabras empregadas veñen sendo as mesmas ca as da institución eucarística, na Última Cea (cf **14**, 22). O pan e mais os peixes convértense moi pronto en símbolos da Eucaristía.

**6**, 48 O texto grego di “arredor da cuarta vixilia da noite”, o que vén equivaler a “ás tres da mañá”.

51E subiu á barca, onda eles. Acougou o
vento, e todos quedaron abraiados de vez,
52porque non comprenderan o milagre do
pan, ao teren aínda cerrado o entendemento.

**Cura os enfermos de Xenesaret** (Mt **14**, 34-36)

53Cando atravesaron para a outra banda,
chegaron a Xenesaret, e alí desembarcaron.
54A xente decontado o recoñecía. 55Percorrendo toda aquela comarca, levábanlle todos
os enfermos en leitos; 56e en aldeas, vilas e
cidades, cando oían que andaba por alí, pousaban os enfermos nas rúas, rogándolle que
lles deixase tocar tan sequera a orla do seu
manto. E cantos o tocaban, curaban.

**Conflitos coas tradicións** (Mt **15**, 1-20)

**7** 1Reuníronse con Xesús un grupo de fariseos con algúns letrados chegados de
Xerusalén, 2e viron aos discípulos comer con
mans impuras, é dicir, sen antes lavaren as
mans. 3(É sabido que os fariseos e os xudeus
todos non comen sen lavaren ben as mans,
seguindo así as vellas tradicións; 4e cando
chegan da rúa, tampouco comen sen se bañaren antes; tamén están moi apegados a outras
tradicións, coma o lavar vasos, xerras e bandexas). 5Por iso os fariseos e mais os escribas
preguntáronlle:

–Por que os teus discípulos non se portan
conforme a tradición dos devanceiros, senón
que comen con mans impuras?

6El contestoulles:

–Que ben profetizou Isaías de vós, hipócritas, como está escrito:

*Este pobo hónrame cos labios,*
*pero o seu corazón está lonxe de min.*
7*Danme un culto inútil,*
*porque a doutrina que ensinan*
*non son máis que costumes humanos.*

8Rexeitades os mandados de Deus e agarrádesvos ás tradicións dos homes.

9E dicíalles:

–Que ben quebrantades os preceptos de
Deus, para conservar as tradicións humanas!
10Porque Moisés dixo: *Coida de teu pai e mais de túa nai, e quen abandone a seu pai ou a súa nai é reo de morte*. 11Pero vós dicides que se un home dixese a seu pai ou a súa
nai: "O sustento que poderías recibir de min
é *korbán*", é dicir, vai para o templo como
ofrenda, 12xa non lles permitides facer nada
por eles, 13invalidando o mandamento de
Deus coa vosa tradición. E así facedes outras
moitas cousas parecidas.

14E convocando á xente, dicíalles:

–Escoitádeme todos e procurade entender.
15Nada do que hai fóra do home pode manchalo ao entrar nel; pero o que sae do home,
iso si que o mancha.

17E cando entrou na casa, despois de
deixar a xente, os discípulos preguntáronlle
polo significado daquilo. 18Díxolles:

–E logo vós tampouco sodes capaces de entender? Non comprendedes que todo o
que vén de fóra e entra no home non o pode
manchar, 19porque non penetra no seu corazón, senón no seu ventre, e de alí vai parar
ao escusado?

Así declaraba puros todos os alimentos.
20E continuou:

–O que sae de dentro, iso si que mancha;
21porque de dentro, do corazón do home, xorden os malos pensamentos, as fornicacións,
os roubos, os asasinatos, 22os adulterios, as
cobizas, as maldades, as fraudes, os desenfreos, as envexas, as blasfemias, a soberbia,
os desatinos. 23Todos eses males saen de dentro e manchan o home.

**7**, 7 Is **29**, 13.

**7**, 8 Os fariseos estaban moi aferrados ás tradicións transmitidas oralmente (a *Mixná*), e despois codificadas arredor do ano 200 d. C. Tiñan tanto aprecio desas tradicións, que ás veces deixaban en segundo lugar a Lei de Deus. Xesús quéixase desa valoración e, fronte a tantas prescricións rituais, avoga por unha relixión máis fonda, interior.

**7**, 10 Éx **20**, 12; Lev **5**, 16; Dt **5**, 13. *Coida*, no lugar de "honra", por ser máis axeitado ao contexto.

**7**, 16 Algúns ms. introducen aquí o v. 16: "Quen teña oídos para oír, que escoite"; expresión manifestamente tomada de **4**, 9.

## VIAXE POR FÓRA DE GALILEA

**A muller cananea** (Mt **15**, 21-28)

24E foi cara á terra de Tiro. Alí meteuse
nunha casa, porque non quería que ninguén
o recoñecese. Pero non lle foi posible pasar
inadvertido, 25pois deseguida chegou unha
mulleriña que tiña unha filla posuída por un
espírito malo, e botóuselle aos pés. 26Esta
muller era pagá, unha siro-fenicia, e rogá-
balle que lle librase a filla do espírito malo.
27Pero el díxolle:

–Deixa que se farten primeiro os fillos,
pois non é ben quitarlles o pan aos fillos, para
botárllelo aos cadeliños.

28Ela contestoulle:

–Non é, Señor; non é; pero tamén os cade-
liños apañan debaixo da mesa as faragullas
que deixan caer os fillos.

29El díxolle entón:

–Vaite, que polo que acabas de dicir xa o
demo saíu da túa filla.

30E así foi: ao que chegou á casa, atopou a
filla deitada na cama, libre do demo.

**Curación dun xordo**

31De novo, deixando Tiro, veu dar por Si-
dón ao mar de Galilea, atravesando a Decá-
polis. 32Presentáronlle un xordomudo, e supli-
cáronlle que lle impuxese as mans. 33Xesús,
separándoo da xente, meteulle os dedos nas
orellas, e tocoulle a lingua con cuspe. 34Logo,
erguendo os ollos ao ceo, suspirou e dixo:

–*Effatá* (ou sexa: ábrete).

35E no instante abríronselle os oídos, e fala-
ba perfectamente. 36Logo prohibiulles conta-
lo a ninguén; pero canto máis llelo prohibía,
máis o espallaban. 37E a xente, totalmente
abraiada, comentaba:

–Que ben o fai todo! Fai que os xordos
oian e que os mudos falen.

**Segunda multiplicación do pan** (Mt **15**, 32-39)

**8** 1Por aqueles días, como se xuntaba tamén
moita xente arredor de Xesús e non tiñan
que comer, chamou polos discípulos e díxo-
lles:

2–Dáme pena esta xente: hai tres días que
vén detrás miña e non ten nada que comer.
3Se os mando para as súas casas, sen que me-
tan algo na boca, poden esmorecer polo cami-
ño, que moitos deles véñenvos de ben lonxe.

4Os discípulos responderon:

–E de onde se pode quitar, en pleno des-
campado, pan abondo para fartalos?

5E preguntoulles:

–E logo canto pan tedes?

Responderon:

–Temos sete bolos.

6Foi el e mandou que a xente sentase no
chan; despois colleu os sete bolos, rezou a
acción de grazas, partiunos e déullelos aos
seus discípulos, para que os repartisen entre
a xente; e así o fixeron. 7Tiñan tamén algúns
peixes; el bendiciunos e mandou que os re-
partisen. 8A xente comeu a fartar, e cos ana-
cos que sobraron encheron sete cestas. 9Eran
uns catro mil. Despediunos, 10e deseguida
embarcou cos seus discípulos, marchando
para a rexión de Dalmanuta.

**Os fariseos piden un sinal** (Mt **16**, 1-4)

11Uns fariseos saíronlle ao paso, e metéron-
se a discutir con el. Para probalo, pedíron-
lle un sinal do ceo. 12El deu un profundo
suspiro, e dixo:

–Por que esta clase de xente reclama un
sinal? Pois asegúrovos que a esta xente non
se lle dará sinal ningún.

13Así, deixounos, volveu embarcar e foise
para a outra banda.

**O fermento dos fariseos** (Mt **16**, 5-12)

14Os discípulos esqueceran levar pan, e
non tiñan máis ca un bolo na barca. 15Xesús
recomendoulles:

–Tede coidado, e gardádevos do fermento
dos fariseos e do fermento de Herodes.

16Pero eles latricaban entre si:

–O caso é que non temos pan.

17Xesús decatándose díxolles:

–Como! Así que estades a falar de que non
tedes pan! Seica non acabades de entender,

**7**, 24 Algúns ms. poñen "de Tiro e Sidón", quizais por influxo de Mt **15**, 21.

**7**, 27 Xesús fala da súa misión persoal, dirixida aos xudeus. Na Igrexa primitiva comezarán tamén polos xudeus, para dirixirse máis adiante, non sen dúbidas e discusións, aos samaritanos e xentís.

**8**, 1 Esta multiplicación (vv. 1-8) é con toda probabilidade, un duplicado da antes narrada (**6**, 34-44). Amplía, non obstante, o seu significado teolóxico. Ambas teñen unha clara resonancia eucarística; pero esta segunda indica como destinatarios aos "xentís"; mentres que a primeira indicaba aos "xudeus".

**8**, 12 Mt (**16**, 4) fala do sinal de Xonás, referíndose aos tres días de Xesús morto, baixo a terra, antes de resucitar.

**8**, 17 Os discípulos entenderían seguramente ao pé da letra; pero Xesús referíase, de xeito alegórico, ao fermento da conduta e doutrina dos fariseos, que tan duramente atacou.

nin caedes na conta do que quero dicir? Tan cegos estades? 18*Tedes ollos, e non vedes; oídos e non oídes?* Xa non vos acorda 19cantas cestas de sobras recollestes, cando repartín cinco bolos de pan entre cinco mil persoas?

Contestaron:

–Foron doce.

20–E cando repartín sete bolos entre catro mil, cantas cestas recollestes?

Responderon:

–Recollemos sete.

21E concluíu:

–E logo aínda non comprendedes?

**Curación dun cego**

22Chegaron a Betsaida, e trouxéronlle un cego, pedíndolle que o tocase. 23El, collendo o cego pola man, sacouno para fóra da aldea; botoulle cuspe nos ollos, estendeu as mans sobre el, e preguntoulle:

–Ti ves algo?

24El, que comezaba a albiscar algo, dixo:

–Vexo homes, aínda que me parecen árbores que andan.

25Púxolle outra vez as mans nos ollos; entón empezou a enxergar ben: estaba curado, e vía todo claramente. 26Logo mandouno para a casa, dicíndolle:

–Nin tan sequera entres na aldea.

**A confesión de fe de Pedro, e o primeiro anuncio da paixón** (Mt **16**, 13-23; Lc **9**, 18-22)

27Ía Xesús cos seus discípulos cara ás aldeas de Cesarea de Filipo, e polo camiño preguntoulles:

–Quen di a xente que son eu?

28Eles responderon:

–Uns, que Xoán o Bautista; outros, que Elías; e outros, que algún dos profetas.

29El preguntoulles a eles:

–E vós, quen dicides que son?

Respondeu Simón Pedro:

–Ti es o Mesías.

30E prohibiulles diciren nada a ninguén. 31Entón, con toda claridade, empezou a adoutrinalos acerca de que era preciso que o Fillo do Home padecese moito, e que o rexeitasen os anciáns, os sumos sacerdotes e mais os letrados; que o ían matar, e que aos tres días había resucitar. 32Explicoulles isto con toda claridade. Entón Pedro, colléndoo á parte, empezou a rifarlle. 33Pero Xesús volvéndose cara aos discípulos, reprendeuno:

–Arreda de min, Satanás, que ti non te me deixas guiar por Deus, senón polos homes!

**Como seguir a Xesús** (Mt **16**, 24-28; Lc **9**, 23-27)

34E chamando á xente onda os seus discípulos, díxolles a todos:

–Se alguén quere vir comigo, que renuncie a si mesmo, cargue coa súa cruz e que me siga. 35Pois o que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen perda a súa vida pola miña causa e pola do Evanxeo, ese poñeraa a salvo. 36Pois de que lle serve ao home gañar o mundo enteiro, se perde a súa vida? 37E que pode dar un home para recobrar a súa vida? 38Porque quen se avergonce de min e das miñas palabras, nesta xeración idólatra e pecadora, tamén o Fillo do Home se avergonzará del, cando veña na gloria de seu Pai entre os santos anxos.

**9** 1E engadiu:

–Tede por seguro que algúns dos aquí presentes non han morrer sen veren antes chegar o Reino de Deus con gran poder.

**A transfiguración** (Mt **17**, 1-13; Lc **9**, 28-36)

2Seis días despois colleu Xesús a Pedro, Santiago e Xoán, e subiu con eles sos ao coto dun monte. Alí transfigurouse na súa presenza. 3Os seus vestidos viráronse resplandecentes, brancos coma ningún bataneiro do mundo os podería branquexar. 4Nisto apareceron Elías e mais Moisés, e estaban a falar con Xesús.

5E Pedro, tomando a palabra, díxolle a Xesús:

–Mestre, que ben estamos aquí! Imos facer tres tendas: unha para ti, outra para Elías e a outra para Moisés.

**8**, 18 Cf Xer **5**, 21; Ez **12**, 2.
**8**, 26 A prohibición de non entrar na aldea, vai dirixida a que non difunda o milagre.
**8**, 29 Mt **16**, 16 engade: "O Fillo do Deus vivo".
**8**, 31 Este é o primeiro anuncio da paixón. Hai outros dous, que Mc recolle en **9**, 31 e **10**, 32-34.
Os "anciáns" eran os cabezas de familias influentes. Formaban a "nobreza leiga"; e, cos sumos sacerdotes e os escribas, constituían o Sanedrín ou Senado de Israel.
**8**, 32 Pedro reacciona coma calquera xudeu: escandalizado, xa que tiña un concepto triunfalista do Mesías.
**8**, 33 Xesús acababa de loar a Pedro polo que este lle dixera movido por Deus. Agora, por actuar con criterios terreais, repréndeo.
**8**, 34 *Cargar a cruz*: frase dun ambiente xa cristián.
**8**, 35 Sentenza que se comprende ben nunha época de persecucións e martirios.
**9**, 1 Alusión escatolóxica difícil de interpretar, no caso de aplicala temporalmente á fin do mundo. En ambiente xa cristián, posible referencia á transfiguración, e logo a Pentecoste, onde, coa efusión do Espírito sobre a Igrexa, comeza a estenderse a Boa Nova (cf Mt **24**, 34).
**9**, 4 Moisés e mais Elías representan a Lei e os Profetas. Xesús vén ser o que dá cumprimento a esas Escrituras.

6Tan asustado estaba, que non sabía o que
dicía. 7E unha nube cubriunos coa súa som-
bra, mentres saía dela unha voz:
–Este é o meu fillo benquerido, escoitá-
deo.
8E de súpeto, mirando arredor, xa non vi-
ron a ninguén, fóra de Xesús. 9Cando baixa-
ban do monte, Xesús encargoulles que non
contasen nada ata que o Fillo do Home resu-
citase de entre os mortos. 10Eles colleron ben
o aviso; pero empezáronse a preguntar uns a
outros o que querería dicir aquilo de "cando
resucite de entre os mortos".
11E preguntáronlle:
–Como é que din os letrados que primeiro
ten que vir Elías?
12El contestoulles:
–Elías ten que vir primeiramente a resta-
blecelo todo. Pero entón, como é que está
escrito que o Fillo do Home ten que padecer
moito e ser aldraxado? 13O que vos digo é
que Elías xa veu e que fixeron con el canto
lles petou, como estaba escrito del.

**O neno epiléptico** (Mt **17**, 14-21; Lc **9**, 38-43)

14Ao chegaren onde estaban os outros dis-
cípulos, atoparon moita xente arredor, e uns
letrados discutindo con eles. 15En canto que a
xente o albiscou, correu sorprendida a sauda-
lo. 16El preguntoulles:
–De que estades a discutir?
17Un deles respondeu:
–Mestre, trouxen o meu fillo, que ten un
espírito que non o deixa falar. 18Cando se
apodera del, tírao no chan, o rapaz bota escu-
ma pola boca, e renxe os dentes, e fica teso.
Rogueilles aos teus discípulos que o librasen,
e non puideron.
19El contestou:
–Oh xeración incrédula! Ata cando terei
que estar convosco? Ata cando terei que atu-
rarvos? Traédemo acá.
20Trouxéronllo, e, mal viu a Xesús, o espí-
rito sacudiu violentamente o neno, que rou-
lou polo chan, escumando pola boca. 21Entón
preguntoulle Xesús ao pai:
–Desde cando anda así?
El respondeulle:
–Desde picariño. 22E hai veces que mesmo
o bota no lume ou na auga, para acabar con
el. Pero se podes facer algo, ten dó do rapaz
e bótanos unha man.
23Xesús contestoulle:
–Como que se podo? Para quen ten fe non
hai imposibles.
24Inmediatamente, o pai do neno exclа-
mou:
–Creo: axúdame no que lle falta á miña fe!
25Vendo Xesús que a xente se amoreaba,
increpou ao espírito malo:
–Espírito mudo e xordo, mándocho eu:
sae deste rapaz e non volvas entrar nel nunca
máis.
26E dando berros e fortes sacudidas, saíu,
deixando o neno coma morto, de tal xeito
que moitos xa dicían que morrera. 27Pero Xe-
sús, colleuno pola man e ergueuno ata que se
mantivo de pé. 28Ao entraren con el na casa,
preguntábanlle á parte os discípulos:
–E por que non o demos botado nós?
29El respondeulles:
–Esta caste non sae se non é a forza de
oración.

**Novo anuncio da paixón** (Mt **17**, 22-23; Lc **9**, 44-45)

30E marcharon de alí, atravesando a Gali-
lea sen enredar nela, porque non quería que
o soubese ninguén; 31pois ía informando aos
discípulos, dicíndolles:
–Ao Fillo do Home vano entregar nas
mans dos homes, que o matarán; pero, des-
pois de morto, pasados tres días, ha resucitar.
32Eles non entendían o que lles dicía, pero
non se atrevían a preguntarllo.

**Quen é o mais importante?** (Mt **18**, 1-5; Lc **9**, 46-48)

33Chegaron a Cafarnaúm, e, cando estaban
na casa, preguntoulles:
–De que viñades discutindo polo camiño?
34Eles calaron, porque no camiño discuti-
ran entre si sobre quen era o máis importante.
35Xesús sentou, chamou polos Doce e díxolles:
–O que queira ser o primeiro, que sexa o
derradeiro e o servidor de todos.
36E, collendo un neno, púxoo no medio de-
les e abrazándoo, dixo:
37–Quen acolle a un destes nenos no meu
nome, acólleme a min; e quen me acolle

**9**, 7 *A nube*, na tradición bíblica, é símbolo da gloria de Deus e da súa presenza (cf Éx **13**, 21; **16**, 10; Núm **9**, 15. 17-18).
As palabras do Pai son semellantes ás do bautismo de Xesús. Sen embargo, a exhortación a escoitar a Xesús, xunto co feito da presenza inmediatamente anterior a Moisés, e a referencia á vinda de Elías ao remate dos tempos, fai recoñecer a Xesús como o "profeta escatolóxico", semellante a Moisés, a quen Deus había suscitar de entre eles (cf Dt **18**, 15-20).
**9**, 13 En certos ambientes xudeus esperábase a volta de Elías (cf Mal **3**, 23-24). Xesús identificao con Xoán o Bautista. Algúns confundíano co mesmo Xesús (**8**, 28).
**9**, 29 Algúns ms. engaden: "e mais de xaxún".

a min, non é a min a quen acolle, senón a Aquel que me mandou.

**Quen non está contra nós, está connosco** (Lc **9**, 49-50)

38Díxolle Xoán:

–Pois vimos un que botaba demos no teu nome e quixémosllo privar porque non é dos nosos.

39Xesús contestoulle:

–Pois non llo privedes, porque ninguén que faga milagres no meu nome fala despois mal de min. 40O que non está contra nós, está connosco. 41Ademais, todo aquel que vos dea un vaso de auga por serdes seguidores de Cristo, tende por seguro que non quedará sen recompensa.

**O escándalo** (Mt **18**, 6-9)

42E a quen escandalizar a un destes pequeniños que cren en min, éralle mellor que lle colgasen do pescozo unha pedra de muíño, e o largasen ao mar. 43E se a túa man te fai caer, córtaa: máis che vale entrar toco na vida que ir parar coas dúas mans ao inferno, no lume que nunca se apaga. 45E se o teu pé te fai caer, córtao: mellor será que entres coxo na vida, que ir dar cos dous pés no inferno. 47E se o teu ollo te fai caer, arríncao: máis che vale entrar cego no Reino de Deus e non que te boten cos dous ollos no inferno, 48onde *o verme non morre nin o lume se apaga*.

49Pois todo se salga co lume. 50O sal é bo, pero se o sal se volve insulso, con que o salgaredes? Que non falte o sal entre vós, e vivide en paz cos demais.

**O divorcio** (Mt **19**, 1-19)

**10** 1De alí foise para os lindeiros de Xudea, na outra banda do Xordán. A xente amoreábase de novo no seu camiño, e, coma sempre, púxose a ensinar. 2Achegáronselle algúns fariseos, preguntándolle para probalo, se lle está permitido ao home repudiar a muller. 3El replicoulles:

–Que foi o que mandou Moisés?

4Respondéronlle:

–Moisés permitiu *despedila, dándolle certificado de divorcio*.

5Díxolles Xesús:

–Tendo en conta a dureza de voso corazón, escribiu Moisés para vós esa norma. 6Pero desde o principio da creación, *fíxoos varón e femia*. 7Por iso *deixará o home a seu pai e mais a súa nai, unirase coa súa muller,* 8*e serán os dous unha soa carne*. De xeito que xa non son dous, senón unha soa carne. 9O que Deus uniu, que non o separe o home.

10Xa na casa, os discípulos volvéronlle preguntar acerca disto. 11El díxolles:

–O que repudia a muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. 12E se a muller abandona o marido e casa con outro, comete adulterio.

**Bendí os nenos** (Mt **19**, 13-15; Lc **18**, 15-17)

13E leváronlle uns nenos para que os tocase. Pero os discípulos rifábanlles. 14Mais a Xesús non lle gustou aquilo e dixo:

–Deixade que os nenos se acheguen a min; non llelo impidades, porque deles é o Reino de Deus. 15Asegúrovos que aquel que non reciba coma un neno o Reino de Deus, non entrará nel.

16E abrazounos e bendiciunos e impúxolles as mans.

**O mozo rico** (Mt **19**, 16-22; Lc **18**, 18-23)

17No preciso momento en que se puña en camiño, chegou un a correr, que se axeonllou diante del e que lle preguntou:

–Mestre bo, que teño que facer para acadar a vida eterna?

18Xesús contestoulle:

**9**, 37 O *neno* era menosprezado entre os xudeus. Para Xesús, en troques, ten relevancia, pois representa os coitados e os humildes (véxase nota a Mt **18**, 2).

**9**, 44. 46 "Onde o verme non morre nin o lume se apaga". Texto engadido, formando os vv. 44 e 46, iguais ao v. 48.

**9**, 47 *Inferno*: o vocábulo hebreo "Gue-Hinnón" (grego "Geenna") significa "val de Hinnón", ao S de Xerusalén, onde se facían sacrificios idólatras. No ambiente popular xudeu simbolizaba o lugar do castigo futuro.

**9**, 48 Is **66**, 24.

**9**, 49 Difícil interpretación. Parece referirse aos sacrificios rituais, nos que se empregaban o lume e mais o sal, que os facían agradables a Deus. Así debe ser agradable a Deus o discípulo de Xesús. Segundo Lc (**14**, 34-35), o sal significa a renuncia, a fidelidade.

**10**, 4 Moisés dera unha Lei que restrinxía os dereitos, ata entón case totais, do home (cf Dt **24**, 1-4). Desde aquela, non podía despedila, sen lle dar a acta de repudio.

**10**, 8 Xesús elabora o seu argumento en favor da indisolubilidade matrimonial, apoiándose no que fixo Deus ao comezo (Xén **1**, 27; **2**, 23-24), indicando que a disposición de Moisés foi transitoria, pola maldade deles.

**10**, 11 A Lei de Xesús actualiza e trata por igual o home e a muller, cousa que non sucedía no xudaísmo, onde tan só o home podía divorciarse da muller, e non viceversa.

**10**, 13 Considérase neno o coitado e necesitado, sen autosuficiencia e sen capacidade de confianza (véxase nota a Mt **18**, 2). Non se cre merecedor de nada.

**10**, 18 Xesús ten en conta a condición dos interlocutores e, aínda que Pedro xa o recoñecera como Mesías (cf **8**, 29), el non manifestará publicamente o seu mesianismo e a calidade do mesmo ata o xuízo diante do Sanedrín (**14**, 61-62), cunhas palabras que o levarán á morte.

–E por que me chamas bo? Ninguén e bo, fóra de Deus. [19]Xa sabes os mandamentos: *Non mates, non cometas adulterio, non roubes, non deas falso testemuño, non defraudes, honra a teu pai e mais a túa nai*.

[20]El respondeu:

–Mestre, todas esas cousas gardeinas desde a miña mocidade.

[21]Entón Xesús pousou nel a súa ollada chea de cariño e engadiu:

–Aínda che falta unha cousa: Vai, vende todo o que tes, e repárteo entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme.

[22]Ante estas palabras mudóuselle o rostro e marchou moi apesarado, pois tiña moitos bens.

**O perigo das riquezas** (Mt **19**, 23-30; Lc **18**, 24-30)

[23]Xesús mirando todo arredor, díxolles aos discípulos:

–Que difícil lles vai ser aos ricos entrar no Reino de Deus!

[24]E os discípulos ficaron moi sorprendidos por estas palabras. Pero Xesús volveu insistir:

–Fillos, que difícil é entrar no Reino de Deus! [25]É máis doado para un camelo pasar polo ollo dunha agulla, do que para un rico entrar no Reino de Deus.

[26]Eles, aínda moi asombrados, comentaban entre si:

–Entón, quen se vai poder salvar?

[27]Xesús, mirando para eles fixamente, dixo:

–Si, para os homes é imposible, pero non para Deus; pois todo é posible para Deus.

[28]Colle Pedro e di:

–Pois nós deixámolo todo e seguímoste.

[29]Dixo Xesús:

–Tede por seguro que non hai ninguén que deixe casa ou irmáns ou irmás ou nai ou pai, ou fillos ou leiras por causa miña e polo Evanxeo, [30]que pase sen recibir cen veces máis en casas, irmáns, irmás, nai, pai, fillos e leiras (aínda que con persecucións) agora, e que no mundo futuro non reciba a vida eterna. [31]E moitos que son os primeiros serán os últimos; e moitos que son os últimos serán os primeiros.

**Terceiro anuncio da paixón** (Mt **20**, 17-19; Lc **18**, 31-34)

[32]Subían camiño de Xerusalén, e Xesús ía diante; os discípulos, aínda asombrados, ían tras el con medo. E levando á parte aos Doce, empezoulles a falar do que lle ía acontecer:

[33]–Vede que subimos a Xerusalén, e ao Fillo do Home vano entregar aos sumos sacerdotes e mais aos letrados; condenarano a morte, e entregarano aos pagáns. [34]Burlaranse del, cuspiranlle, azoutarano, e logo matarano; pero aos tres días ha resucitar.

**Petición de Santiago e Xoán** (Mt **20**, 20-28)

[35]Achegándose os fillos de Zebedeo Santiago e mais Xoán, dixéronlle:

–Mestre, nós queriamos que nos fixeses o que che imos pedir.

[36]El preguntou:

–E logo, que é o que queredes que vos faga?

[37]Contestáronlle:

–Concédenos que na túa gloria sentemos un á túa dereita e outro á túa esquerda.

[38]Respondeulles Xesús:

–Vós non sabedes ben o que pedides. Seredes capaces de beber o cáliz que eu teño que beber, e recibir o bautismo que eu teño que recibir?

[39]Respondéronlle:

–Somos.

Xesús replicou:

–O cáliz que teño que beber, si que o beberedes, e tamén recibiredes o bautismo que eu teño que recibir; [40]pero o sentardes á miña dereita ou á miña esquerda, iso non depende de min o concedelo, senón que é para os que está reservado.

[41]Ao escoitaren isto, os outros anoxáronse con Santiago e con Xoán. [42]Entón Xesús chamounos e díxolles:

–Xa sabedes que os xefes dos pobos os tiranizan e que os poderosos os asoballan. [43]Pero entre vós non pode ser así. Nin moito

**10**, 19 Éx **20**, 12; Dt **5**, 16-20; **24**, 14.

**10**, 22 O home, que, seguramente seguindo a tradición xudía, consideraba a riqueza como unha bendición do ceo, quedou moi estrañado. Entendido desde o cristianismo, a riqueza de Deus é o Reino. Repartir os bens entre os pobres é un signo tamén de acadar a maior riqueza: Deus (Mt **25**, 40).

**10**, 24 Algúns ms. engaden: "... para os que confían nas riquezas".

**10**, 37 Mt pon a petición na boca da nai dos Zebedeos, facéndoa máis explicable. De todos xeitos, reflicte a mentalidade político-triunfalista dun mesianismo terreal aínda que "na túa gloria" sexa ambiguo.

**10**, 38 *Beber o cáliz* é o mesmo que "pasar o mal transo". *Recibir o bautismo* tamén é o mesmo que "mergullarse no sufrimento". Con toda probabilidade hai aquí referencias á paixón de Xesús (cf **14**, 24-36; Lc **12**, 50).

**10**, 43 Volve a aparecer claramente a repulsión que a Xesús lle provoca o desexo de poder. O importante é o verdadeiro servidor.

menos, quen queira ser importante, que sirva os outros, [44]e quen queira ser o primeiro, que sexa o máis servizal. [45]Que o Fillo do Home non veu a que o sirvan, senón a servir, e a entregar a súa vida en rescate por moitos.

**Curación dun cego** (Mt **20**, 29-34; Lc **18**, 35-43)

[46]E chegou a Iericó. Cando saía cos seus discípulos e outra moita xente, Bertomeu, o fillo de Timeu, un cego pobre de pedir, estaba sentado a carón do camiño. [47]Oíndo que pasaba Xesús o Nazareno, empezou a berrar:

–Xesús, Fillo de David, ten piedade de min!

[48]Moitos mandábano calar; pero el berraba aínda máis alto:

–Fillo de David, ten piedade de min!

[49]Deténdose Xesús, dixo:

–Dicídelle que veña aquí.

E chamaron polo cego, dicíndolle:

–Veña, érguete, que te chama!

[50]El, ceibándose do manto, veu dando brincos ata onde estaba Xesús. [51]Este preguntoulle:

–Que queres que che faga?

O cego respondeu:

–Mestre, que volva a ver.

[52]Xesús díxolle:

–Vai, salvoute a túa fe.

E no instante comezou a ver, e seguiuno polo camiño.

## XESÚS EN XERUSALÉN

**Entrada triunfal en Xerusalén** (Mt **21**, 1-11; Lc **19**, 29-40; Xn **12**,12-19)

**11** [1]E cando se aproximaban a Xerusalén, cerca de Betfagué e de Betania, ao pé do monte das Oliveiras, mandou a dous discípulos [2]dicíndolles:

–Ide á aldea que tedes aí por fronte, e ao que entredes, ides atopar atado un burro que ninguén montou aínda; soltádeo e traédeo. [3]Se alguén vos pregunta por que o facedes, dicídelle: "Precísao o Señor, pero deseguida o mandará de volta".

[4]Foron alá, atoparon o burro atado a un portal e desatárono. [5]Algúns dos que andaban por alí, preguntáronlles:

–Que facedes aí desatando o burriño?

[6]Eles contestáronlle tal como Xesús lles mandara. [7]E leváronlle o burro a Xesús, que montou nel así que o cubriron cos seus mantos. [8]Moitos estendían tamén os seus mantos no camiño, para que lle servisen de alfombras; e outros, ramallos cortados dos agros. [9]E tanto os que ían diante coma os de detrás, exclamaban:

–Hosanna! *Bendito o que vén no nome do Señor!* [10]Bendito o reino do noso pai David que chega! Hosanna no ceo!

[11]Entrou en Xerusalén e foi ao templo. E despois de dar unha volta por alí, como xa ía sendo tarde, saíu cos Doce para Betania.

**Maldición da figueira** (Mt **21**, 18-19)

[12]Ao outro día despois de saír de Betania, sentiu fame. [13]Vendo de lonxe unha figueira cuberta de follas, achegouse por se acaso atopaba algo; pero non atopou nada fóra de follas, por non ser tempo de figos. [14]Entón dixo:

–Nunca máis ninguén coma os teus froitos.

E os discípulos escoitárono.

**Bota os tendeiros do templo** (Mt **21**, 12-17; Lc **19**, 45-48; Xn **2**, 13-22)

[15]Chegaron a Xerusalén, e, entrando no templo, empezou a botar de alí os tendeiros e compradores, derrubando as mesas dos cambiadores e os postos dos vendedores de pombas. [16]E non permitía que ninguén pasase polo templo carrexando cousas. [17]E púxose a ensinar, dicindo:

–Non está escrito: *A miña casa será a casa de oración para todos os pobos*? Pois vós convertéstela en *cova de bandidos*.

**11**, 1 Véxase nota a Mt **21**, 1.
**11**, 8 Clara alusión á Festa das Cabanas, na que os participantes vivían en cabanas.
Celebrábase no outono, e recitábase o Sal **118**, Salmo mesiánico, ao mesmo tempo que se axitaba un ramo que levaban na man, formado de palmeiras, mirtos e salgueiros (cf Introd. ao N. T. 2.d. 3).
**11**, 9 O vocábulo *Hosanna* significa "Iavé salva", "salve Iavé", "dálle saúde" ou "sexa bendito" (cf Sal **118**, 25-26).
**11**, 9s Sal **118**, 25-26.
**11**, 13 Posiblemente acción simbólica aplicada ao pobo xudeu (cf Mc **12**, 1-12), seguindo o estilo dos profetas (cf Xer **19**, 1-15).
**11**, 15 Outro xesto profético. A purificación do templo esperábase que a fixese o Mesías. Xesús dá cumprimento aos anuncios proféticos (cf Zac **14**, 20-21).
**11**, 17 Is **56**, 7; Xer **7**, 11.

[18]Ao que o souberon, os sumos sacerdotes
e mais os letrados, buscaban o xeito de acabar con el, pois tíñanlle moito medo, porque
todo o mundo estaba admirado de canto ensinaba. [19]E á tardiña saíu da cidade.

**Outra vez a figueira** (Mt **21**, 20-22)

[20]Ao pasaren pola mañá cedo, viron a figueira seca desde a raíz. [21]Pedro acordouse e
díxolle a Xesús:

–Mestre, mira para aí: a figueira que maldixeches, está seca.

[22]Xesús respondeu:

–Tede fe en Deus. [23]Pois asegúrovos que
se alguén lle di a este monte arríncate de aí
e bótate no mar, sen dubidar no seu corazón,
senón crendo que se cumprirá o que di, así
se fará. [24]Por iso dígovos: canto pidades na
oración, crede que o conseguiredes, e darásevos. [25]E cando esteades de pé facendo oración, perdoade, se algo tedes contra outros;
para que tamén vos perdoe as vosas culpas o
voso Pai que está no ceo.

**A autoridade de Xesús** (Mt **21**, 23-27; Lc **20**, 1-8)

[27]Chegaron de novo a Xerusalén, e mentres andaba polo templo, foron onda el os
sumos sacerdotes, letrados e anciáns, [28]e preguntáronlle:

–Con que autoridade fas esas cousas? Quen che deu tal autoridade?

[29]Xesús respondeulles:

–Vouvos facer unha pregunta nada máis,
respondédema e logo dígovos eu con que
autoridade fago estas cousas. [30]O bautismo
de Xoán, era cousa de Deus ou dos homes?
Veña, ide respondendo.

[31]Eles razoaban entre si, dicindo: "Se respondemos de Deus, vainos preguntar: e daquela por que non crestes no que dicía? [32]Reponderemos entón que dos homes?". (Pero
tiñan que andar con moito tino co pobo, que
consideraba profeta a Xoán).

[33]E contestáronlle a Xesús:

–Non sabemos.

Xesús replicou:

–Pois eu tampouco non vos vou dicir con
que autoridade fago estas cousas.

**Parábola da viña** (Mt **21**, 33-46; Lc **20**, 9-19)

**12** [1]E comezou a falarlles en parábolas:

–Un home *plantou unha viña, rodeouna cun valado, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda*. Logo arrendóullela a uns viñateiros, e marchou para
lonxe. [2]No seu tempo, mandou un criado para
cobrarlles as rendas da viña aos viñateiros.
[3]Pero eles, botáronse enriba del, zorregáronlle duro, e despedírono coas mans baleiras.
[4]Vaise el e mándalles outro criado, pero tamén mallaron nel e aldraxárono. [5]Mandoulles
outro, e matárono; e a outros moitos bouraron
neles e matáronos.

[6]Pero aínda lle quedaba un a quen mandar,
o seu fillo benquerido; e mandóullelo de último, dicindo para si: "El é fillo meu, e hano
respectar". [7]Pero os viñateiros comentaron:
"Oi! Este é o herdeiro: veña, matámolo e herdanza para nós!". [8]E agarrárono, matárono e
botárono fóra da viña. [9]Que fará o dono da
viña? Volverá, acabará con estes viñateiros e
daralle a viña a outros. [10]Ou seica non lestes
aquilo da Escritura:

*A pedra que desbotaron os canteiros*
é agora o esquinal;
[11]*esa colocouna o Señor;*
*que regalía para nós*?

[12]Decatándose de que a parábola ía por
eles, quixérono prender, pero por medo á
xente, deixárono e fóronse.

**O tributo do César** (Mt **22**, 15-22; Lc **20**, 20-26)

[13]Mandáronlle algúns fariseos e herodianos, para o pillaren nalgunha pregunta. [14]Ao
que chegaron onda el, preguntáronlle:

–Mestre, sabemos que es sincero, e non
andas con miramentos, porque ti non te
deixas levar polos respectos humanos, senón
que ensinas o verdadeiro camiño de Deus.
Está permitido pagarlle o tributo ao César, ou
non? Pagámoslo ou non llo pagamos?

[15]Xesús, decatándose da súa hipocrisía,
contestoulles:

–E por que me queredes comprometer? A
ver, traédeme un denario para que o vexa.

[16]Eles levárono, e el preguntoulles:

–De quen é esta imaxe e esta inscrición?

**11**, 22ss Esta resposta seguramente non corresponde a este lugar.
**11**, 26 Algúns ms. engaden o v. 26: "pois se vós non perdoades, tampouco non perdoará os vosos pecados voso Pai que está nos ceos.".
**12**, 1 Is **5**, 1-2.
**12**, 5 Cf Mt **23**, 34-35.
**12**, 10 Como se pode ver, esta parábola refírese aos xudeus, que desbotaron o fillo e mais a pedra. Véxase o v 12.
**12**, 11 Sal **118**, 22-23.
**12**, 13 Foran ou non partidarios de pagarlle o tributo ao César, o que está claro é que tiñan especial interese en pillar a Xesús nesa trapela.

Contestáronlle:
–É do César.
17Xesús replicoulles:
–Pois logo, o do César dádello ao César; e o de Deus, a Deus.
E ficaron pasmados.

**Acerca da resurrección** (Mt **22**, 23-33; Lc **20**, 27-40)

18Chegaron uns saduceos deses que negan que haxa resurrección, e preguntáronlle:
19–Mestre, Moisés deixou escrito: *Se lle morre* a alguén o seu irmán, deixando muller *sen fillos, case coa viúva de seu irmán, para lle dar descendencia*. 20Pois dunha vez había sete irmáns. O primeiro casou, e morreu sen fillos; 21o segundo casou coa viúva e morreu tamén sen deixar fillos; o mesmo lle pasou ao terceiro; 22e ningún dos sete deixou descendencia. Ao cabo, morreu tamén a muller. 23Ora, cando resuciten, de cal deles vai ser a muller, se ela estivo casada cos sete?
24Xesús contestoulles:
–Non será que andades descamiñados precisamente porque non comprendedes nin a Escritura nin o poder de Deus? 25Pois cando resuciten nin casarán eles nin elas, porque serán coma anxos do ceo. 26E volvendo á resurrección dos mortos, non tedes lido no Libro de Moisés, no episodio da silveira, como lle falou Deus dicindo: *Eu son o Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob*? 27Ben, pois El non é Deus de mortos, senón de vivos. Así que ides moi descamiñados.

**O principal mandamento** (Mt **22**, 34-40; Lc **10**, 25-28)

28Un letrado, que oíra a discusión, decatándose do ben que lles respondera, preguntoulle:
–Cal é o mais importante de todos os mandamentos?
29Xesús respondeulle:
–O primeiro é: *Escoita, Israel: o Señor é o noso Deus, o Señor é único,* 30*e amarás o Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con todo o teu entendemento e con todas as túas forzas*. 31O segundo é: *Amarás o teu próximo coma a ti mesmo*. Non hai mandamentos máis importantes ca estes.
32O letrado replicou:
–Moi ben, Mestre, estás no certo cando dis que El é *único e non hai outro fóra del;* 33e que *amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con todas as forzas, e o próximo coma a un mesmo*, é mais importante do que todos os sacrificios e holocaustos.
34Xesús, vendo que respondera con moito tino, díxolle:
–Non estás lonxe do Reino de Deus.
E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.

**Fillo e Señor de David** (Mt **22**, 41-46; Lc **20**, 41-44)

35Ensinando no templo, preguntou:
–Como din os letrados que o Mesías é fillo de David? 36O mesmo David dixo, inspirado polo Espírito Santo:

*Díxolle o Señor ao meu Señor:*
*senta á miña dereita,*
*que vou poñer os teus inimigos*
*coma estrado dos teus pés*.

37Ora ben, se David o chama Señor, como vai ser o seu fillo?
E a numerosa multitude escoitaba engaiolada a Xesús.

**Denuncia aos letrados** (Mt **23**, 1-36; Lc **11**, 43; **20**, 45-47)

38El seguía ensinando:
–Coidado cos letrados! Gustan moito de se pasearen con vestidos fachendosos, e que lles fagan reverencias polas rúas; 39buscan os primeiros postos nas sinagogas e mais nos banquetes. 40E acábanlles cos bens ás viúvas, facéndose os piadosos. Pero serán xulgados como lles cómpre.

**Xenerosidade da viúva pobre** (Lc **21**, 1-4)

41Sentado fronte por fronte da sala do tesouro, ollaba para a xente que botaba cartos no peto. E moitos ricos botaban con fartura.

**12**, 17 Entón estaban moi de moda estas dialécticas, como se ve en todo o evanxeo. Xesús trata de saír da trapela, na que facilmente podía caer, dado o grave problema, incluso relixioso, que suscitaba tal tributo.
**12**, 19 Dt **25**, 5.
**12**, 24 Seguiu a dialéctica. A resposta de Xesús, que trata de basearse no texto do Ex **3**, 6, segue o mesmo camiño, pois trátase dun texto moi forzado, aínda que indubidablemente fixo moi bo efecto contra os aparatosos e superficiais argumentos dos seus contrarios.
**12**, 26 Ex **3**, 6.
**12**, 29s Dt **6**, 4-5.
**12**, 31 Lev **19**, 18.
**12**, 32s Dt **6**, 4.
Xesús segue a liña profética, que antepoñía a irmandade e a xustiza ao propio culto.
**12**, 36 Sal **110**, 1.
**12**, 37 Argumento contundente de Xesús, e onde se pode descubrir un vieiro da súa verdadeira personalidade.
**12**, 38 Os letrados ou escribas eran moi reverenciados polo pobo, e tiñan dereito aos postos de honor (cf Introd. ao N. T. 2.b.2).

42E nisto viu unha viúva pobriña botar uns
céntimos nada máis, unha miseria coma
quen di. 43Entón chamou aos seus discípulos,
é díxolles:
–Asegúrovos que esa pobre viúva botou
máis ca os ricos todos. 44Pois eles botaron do
que lles sobraba, pero ela na súa pobreza, bo-
tou todo canto tiña para vivir.

**A destrución do templo** (Mt **24**, 1-2; Lc **21**, 5-6)

**13** 1Conforme saía do templo, díxolle un
dos discípulos:
–Mestre, mira para aí: que cantería e que
construción!
2Xesús respondeu:
–Vedes eses grandes edificios? Pois han
ser derrubados, ata que non quede pedra so-
bre pedra.

**O comezo dos sufrimentos** (Mt **24**, 3-14; Lc **21**, 7-19)

3Estando outra vez sentado no monte das
Oliveiras, en fronte do templo, preguntáron-
lle á parte Pedro e mais Santiago, Xoán e
André:
4–Anda, dinos cando van pasar esas cou-
sas, e como imos saber nós que todo isto vai
acabar.
5Xesús empezoulles a dicir:
–Estade atentos, para que ninguén vos
extravíe. 6Moitos virán dicindo: "Son eu",
e extraviarán a moita xente. 7Cando oiades
falar de guerra, ou de rumores de guerra, non
vos alarmedes; *teñen que vir*, pero aínda non
será a fin. 8Erguerase pobo contra pobo, rei-
no contra reino; haberá terremotos e fame en
diversos lugares; será o comezo de grandes
sufrimentos. 9Vós tede moito coidado, por-
que vos entregarán aos tribunais e mais ás si-
nagogas, zorregaranvos duro e hanvos levar
ante reis e gobernadores pola miña causa; así
daredes testemuño ante eles. 10De por parte
cómpre que a Boa Nova se anuncie a todas
as nacións.
11E cando vos leven para vos entregaren,
non andedes agoniados polo que ides dicir;
falade como vos veña á idea no momento;
porque non seredes vós, senón o Espírito
Santo quen fale. 12Haberá irmáns que entre-
guen os seus irmáns á morte; pais, que en-
treguen os seus fillos; fillos, que denuncien
a seus pais, ata os faceren matar. 13Pola miña
causa seredes aborrecidos por todos, pero o
que persevere ata o final, ese hase salvar.

**A gran angustia de Xerusalén** (Mt. **24**, 15-25; Lc **21**, 20-24)

14E cando vexades a abominación da deso-
lación –enténdao ben o lector–, entón quen
estea en Xudea, que fuxa para o monte;
15quen estea na azotea, que non baixe á casa
nin para coller cousa ningunha; 16e quen es-
tea na leira, que non volva atrás para coller o
seu manto. 17Ai das que estean embarazadas
ou criando naqueles días! 18Rezade para que
a cousa non caia en inverno, 19pois van ser
días de *angustia, como nunca os houbo ata
agora, desde o principio do mundo* que Deus
creou, nin nunca os haberá. 20E se o Señor
non atalla aqueles días, ninguén sairía con
vida. Pero por mor dos elixidos, haos atallar.
21Se entón vos dixer alguén: "Mirade o
Mesías, aquí está", ou: "Está alí"; non lle fa-
gades caso ningún. 22Pois han aparecer falsos
mesías e falsos profetas, que farán marabi-
llas e prodixios para desnortaren a xente, e,
se fose posible, incluso aos mesmos elixidos.
23Pero vós estade atentos; déixovolo todo
avisado.

**A chegada do Fillo do Home** (Mt **24**, 29-31; Lc **21**, 25-28)

24Pero naqueles días, pasada xa aquela an-
gustia, *o sol hase escurecer, a lúa deixará de
iluminar,* 25*as estrelas caerán do ceo, aba-
larán as potencias do ceo*. 26Entón verán vir
o Fillo do Home sobre as nubes con grande
poder e gloria. 27E mandará os anxos *para
reuniren* os elixidos *desde os catro ventos do
cabo da terra ata o cabo do ceo*.

**Exemplo da figueira** (Mt **24**, 32-35; Lc **21**, 29-33)

28Aprendede da comparanza da figueira.
Cando lle saen os gromos e bota a folla, com-
prendedes que o verán está a chegar. 29Así
tamén vós, cando vexades que pasan estas

**12**, 42 A cantidade sinalada neste v. exprésase doutro xei-
to: veñen ser dúas moediñas, que forman a cuarta parte
dun as.
**13**, 5 Non se pode entender este discurso á letra, pois
Xesús segue nel o estilo apocalíptico, referíndose a unha
nova era, moi relacionada co Reino de Deus.
**13**, 9 Referencia ás persecucións que a Igrexa sufría can-
do o evanxelista escribiu o evanxeo. Non parece ter rela-
ción coa fin do mundo. Véxase nota a Lc **21**, 9.
**13**, 14 *Abominación da desolación*: frase de Dn (**9**, 17;
**12**, 11), referida á colocación dun altar pagán no templo
(1 Mac **1**, 54-59). Máxima desgraza para o sentimento
relixioso xudeu.
**13**, 19 Dn **12**, 1.
**13**, 24 Continúa o estilo simbólico apocalíptico (cf Is **34**, 4).
**13**, 26 Imaxe tomada de Dn **7**, 13-14, e que tivo moita
acollida no libro apócrifo de Henoc.
**13**, 27 Dt **30**, 4; Zac **2**, 10.

cousas, sabede que xa está pretiño, á porta.
30Asegúrovos que non pasará esta xeración
sen que antes suceda todo isto. 31O ceo e mais
a terra pasarán, pero as miñas palabras non
pasarán".

**Hai que estar atentos** (Mt **24**, 36. 42; **25**, 13-15; Lc **12**, 35-40)

32En canto ao día e mais a hora no que
isto vai acontecer ninguén sabe nada, nin os
anxos do ceo, nin o Fillo; sábeo o Pai soa-
mente. 33Estade logo á espreita e atentos, que
non sabedes cando será o momento. 34É coma
un home que foi ao estranxeiro, deixando a
casa e mais a facenda nas mans dos seus cria-
dos, encargándolles a cada un o que tiña que
facer; e ao porteiro ordenoulle que velase.
35Vixiade vós, polo tanto, pois non sabedes
cando chegará o amo da casa: se á tardiña ou
con noite cerrada, se co canto do galo ou no
amencer. 36Non vaia ser que chegue de repen-
te, e vos atope durmindo. 37E o que vos digo a
vós, tamén llelo digo a todos: Estade en vela!

**Conspiración contra Xesús** (Mt **26**, 1-5; Lc **22**, 1-2; Xn **11**, 47-53)

**14** 1Faltaban dous días para a Pascua e os
Ácimos. Os sumos sacerdotes e mais
os letrados andaban buscando como collelo a
traizón, para matalo. 2Pero dicían:

–Durante as festas non é ben, porque se
pode armar un rebumbio cando hai aquí tanta
xente.

**Unción en Betania** (Mt **26**, 6-13; Lc **7**, 36-50; Xn **12**, 1-8)

3Estando Xesús en Betania, na casa de
Simón o Gafo, recostado na mesa, chegou
unha muller cun frasco de alabastro cheo de
perfume de nardo puro, moi caro; rompeu o
frasco, e unxiulle a cabeza. 4Algúns dos con-
vidados comentaban indignados:

–Pero a que vén este estrago de perfume?
5Podíase vender en trescentos denarios, e re-
partírllelos aos pobres.

E alporizábanse contra ela. 6Pero Xesús dixo:

–Deixádea, por que a molestades? Ben
está o que fixo comigo. 7Os pobres tédelos
sempre entre vós, e podédelos axudar cando
queirades; pero a min non me ides ter sem-
pre. 8Ela fixo o que puido. Adiantouse a unxir
o meu corpo para o enterro. 9Asegúrovos que
onde queira que se anuncie a Boa Nova, polo
mundo enteiro, falarase, para honra dela, do
que acaba de facer.

**Traizón de Xudas** (Mt **26**, 14-16; Lc **22**, 3-6)

10Xudas Iscariote, un dos Doce, foi onda
os sumos sacerdotes, para lles entregar a Xe-
sús. 11Eles alegráronse moito do que lles pro-
poñía, e prometéronlle cartos. E andaba bus-
cando o momento axeitado para entregalo.

**Preparación da Pascua** (Mt **26**, 17-19; Lc **22**, 7-13)

12No primeiro día da festa dos Ácimos,
cando se sacrificaba o año pascual, pregun-
táronlle os seus discípulos:

–Onde queres que vaiamos preparar a Cea
Pascual?

13El mandou a dous discípulos, dicíndolles:

–Ide á cidade, e havos saír ao paso un
home cunha sella de auga. 14Ide tras el e,
onde entre, dicídelle ao dono da casa: "O
Mestre pregunta: onde está o lugar no que
podo comer a Pascua cos meus discípulos?".
15El havos mostrar no sobrado unha grande
sala, xa disposta e arranxada. Vós preparade
o que faga falta.

16Marcharon os discípulos e, chegando á
cidade, atoparon todo tal como el llelo dixe-
ra. E prepararon a Pascua.

**Anuncio da traizón** (Mt **26**, 20-25; Lc **22**, 14. 21-23; Xn **13**, 21-30)

17Á tardiña, foi el cos Doce. 18E estando na
mesa comendo, díxolles Xesús:

–Asegúrovos que un de vós me vai entre-
gar, un dos que está comendo comigo.

19Eles, poñéndose tristes, empezaron a
preguntarlle un por un:

–Non serei eu?

20Pero el dixo:

–Un dos Doce, que está mollando no mes-
mo prato ca min. 21O Fillo do Home vaise,
como está escrito; pero ai daquel que traizoa
ao Fillo do Home! Máis lle valería non ter
nacido.

**13**, 30 Cf nota a Mt **24**, 34.
**13**, 32 *Aquel día* é o "día de Iavé": designa nos profetas toda intervención especial de Deus: a ignorancia de Xesús, causa de controversias, haina que entender tendo en conta que sinalar o "tempo" –cousa que el evita–, non pertence á súa misión. Xesús insiste na disposición persoal do home para a conversión e a acollida do Reino.
**13**, 35 Textos referidos á vixilancia, cos que o evanxeo anima a estar preparados para a vinda do Señor.
**14**, 8 Mc subliña este texto como prefiguración da súa morte e sepultura. Hai que facer notar que o corpo de Xesús non foi unxido normalmente antes de ir ao sepulcro.
**14**, 12 Sobre a festa dos Ácimos e mais a Pascua, véxase nota a Mt **26**, 17, e a Introd. ao N. T. 2. d. 1).
**14**, 18. 20 Cf Sal **41**, 10; Xn **13**, 18.

**A Eucaristía** (Mt **26**, 26-29; Lc **22**, 15-20; 1 Cor **11**, 22-26)

22Mentres estaban a comer, Xesús colleu
pan, deu grazas, partiuno e déullelo, dicindo:
–Tomade, isto é o meu corpo.
23E collendo unha copa, dando grazas, pa-
sóullela, e todos beberon dela. 24E díxolles:
–Isto é o meu sangue, da Alianza, vertido
por moitos. 25Asegúrovos que xa non volve-
rei beber do produto da viña ata o día que o
beba, noviño, no Reino de Deus.

**Predición das negacións de Pedro** (Mt **26**, 30-35; Lc **22**, 31-34. 39)

26Despois de cantaren os salmos, saíron
para o monte das Oliveiras. 27Díxolles Xesús:
–Todos ides tropezar na vosa fe, como
está escrito: *Ferirei ao pastor e espallaranse as ovellas*. 28Mais cando resucite, irei diante
de vós a Galilea.
29Replicoulle Pedro:
–Aínda que tropecen todos, eu non caerei.
30Xesús respondeulle:
–Ten por seguro que esta mesma noite, an-
tes de que o galo cante dúas veces, ti hasme
negar tres.
31Pedro insistiu aínda:
–Aínda que teña que morrer contigo, en-
dexamais non te negarei.
E o mesmo dicían os outros.

**A oración en Xetsemaní** (Mt **26**, 36-46; Lc **22**, 40-46)

32Chegaron a unha finca chamada Xetse-
maní, e díxolles aos discípulos:
–Sentade aquí, mentres eu vou orar.
33E levando consigo a Pedro, Santiago e
Xoán, empezou a sentir arrepío e angustia.
34E díxolles:
–Morro de tristura; quedade aquí, e vixiade.
35E avanzando un pouco, caeu no chan, ro-
gando para que, se fose posible, pasase del
aquela hora. 36E dicía:
–*Abbá*, meu Pai, ti pódelo todo, arreda de
min este cáliz. Pero non se faga o que eu que-
ro, senón o que queres ti.
37E volvendo onda eles, atopounos dur-
mindo. Díxolle a Pedro:
–Simón, dormes? Seica non podes velar
unha hora tan sequera? 38Estade atentos e
rogade, para que non se vos someta á tenta-
ción. O espírito está disposto, pero a carne
é feble.
39E arredándose de novo, volveu a pre-
gar do mesmo xeito. 40Ao volver, outra vez
os atopou durmindo, pois caíanlles os ollos
co sono; e non sabían que lle dicir. 41E por
terceira vez, volveu Xesús dicindo:
–Conque durmides e descansades? Pois
sabede que xa chegou a hora, e ao Fillo do
Home vano entregar nas mans dos pecado-
res. 42Veña!, erguédevos e vaiámonos, que xa
está aquí o que me vai entregar.

**Detención de Xesús** (Mt **26**, 47-56; Lc **22**, 47-53; Xn **18**, 1-11. 20).

43Estando aínda a falar, presentouse Xu-
das, un dos Doce, acompañado dunha tropa
de xente con espadas e paus, mandada po-
los sumos sacerdotes, letrados e anciáns. 44O
traidor déralles un contrasinal:
–Aquel a quen eu bique, ese é; prendédeo,
e levádeo con tino.
45E así que chegou, acercouse e díxolle:
–Mestre!
E bicouno. 46Eles botáronselle enriba e
prendérono. 47Pero un dos presentes, desen-
vaiñando a espada, feriu a un criado do sumo
sacerdote, rabenándolle unha orella. 48Xesús
reprendeunos dicindo:
–Vídesme prender con paus e espadas,
coma se fose un bandido. 49Estiven a diario
no templo entre vós, e non me prendestes.
Pero que se cumpran as Escrituras.
50E todos fuxiron abandonándoo. 51Só o
seguiu un mozo envolto nunha saba, e detéñeno. 52Pero el, desenleouse da saba, e fuxiu
espido.

**Xesús diante do Sanedrín** (Mt **26**, 57-68; Lc **22**, 54-55. 63-71; Xn **18**, 12-15. 18)

53Conduciron a Xesús á casa do sumo sa-
cerdote. E xuntáronse todos os pontífices,
anciáns e letrados. 54Pedro seguiuno de lonxe
ata o palacio do sumo sacerdote, e sentou alí
para quentarse cos criados, á beira do lume.

**14**, 22 O mesmo que o pai de familia explicaba durante a celebración da Pascua o significado do "pan da aflición" (Dt **16**, 3), tamén Xesús explicou o senso do pan que ía repartir.
**14**, 24 Cf Éx **24**, 8.
**14**, 26 Na Cea Pascual cantábase, e cantan hoxe os xudeus, o "Hallel" (Sal **113-118**), para chamar á xente á loanza de Deus.
**14**, 27 Zac **13**, 7.
**14**, 29 Repítese o "escándalo" dos apóstolos, que, segundo a mentalidade popular, non podían soportar que o Mesías triunfante que eles imaxinaban, puidese sucumbir (cf nota a **8**, 32).
**14**, 49 *Que se cumpran as Escrituras*. Seguramente un engadido do evanxelista. Quizais aluda ao cumprimento das Escrituras en Xesús, ao longo de toda a súa vida (cf Lc **24**, 44).
**14**, 51 Mc é o único que describe este detalle. O mozo semella tipificar o que aconteceu con todos os discípulos, que abandonaron ao Mestre.

55Mentres, os sumos sacerdotes e mais o
Sanedrín enteiro teimaban por encontrar al-
gunha testemuña contra Xesús, para o pode-
ren condenar a morte; pero non a atopaban.
56Moitos testemuñaban en falso contra el,
pero non chegaban a pórse de acordo. 57Al-
gúns, erguéndose, trataron de levantarlle un
falso testemuño, dicindo:
58–Nós mesmos oímoslle dicir: "Eu des-
truirei este templo, feito por homes, e en tres
días construirei outro non feito por homes".
59Pero nin así chegaban a se poñeren de
acordo no testemuño. 60Entón, erguéndose o
sumo sacerdote e adiantándose ata o medio,
interrogou a Xesús:
–Non respondes nada? Que é o que estes
testemuñan contra ti?
61Pero el calaba, e non respondeu palabra.
De novo lle volveu preguntar o sumo sacer-
dote:
–Es ti o Mesías, o Fillo do Bendito?
62Xesús contestoulle:
–Eu son. E haberedes ver o *Fillo do Home,
sentado á dereita do Todopoderoso, vir entre
as nubes do ceo*.
63Daquela o sumo sacerdote, rachando os
vestidos, exclamou:
–Que necesidade temos xa de testemu-
ñas? 64Vós mesmos oístes a blasfemia. Que
vos parece?
Todos o declararon culpable, e que me-
recía a morte. 65Algúns empezaron a cuspir
nel e tapándolle a cara, dábanlle labazadas,
dicindo:
–Adiviña, profeta!
Mesmo os criados tamén mallaban nel.

**Negacións de Pedro** (Mt **26**, 69-75; Lc **22**,
56-62; Xn **18**, 17. 25-27)

66Estando Pedro embaixo, no patio, che-
gou unha das criadas do sumo sacerdote.
67Ao que viu a Pedro quentándose, quedou
mirando para el e díxolle:
–Ti tamén andabas con Xesús de Nazaré.
68El negouno, dicindo:
–Non sei nada, nin comprendo de que me
falas.

E saíndo para fóra, cantou o galo. 69A cria-
da volveuno ver outra vez, e empezoulles a
dicir aos presentes:
–Este évos un deles.
70E de novo el volveu negalo. Pero de alí
a pouco tamén os presentes empezaron a di-
cirlle:
–Si, ti es un deles, que es galileo.
71El, entón, empezou a maldicir e xurar,
dicindo:
–Eu non coñezo a ese home de quen falades.
72E, decontado, por segunda vez, cantou o
galo. A Pedro acordáronselle as palabras de
Xesús: "Antes de que o galo cante dúas ve-
ces, ti hasme negar tres"; e saíndo para fóra,
rompeu a chorar.

**Xesús ante Pilatos** (Mt **27**, 1-2. 11-26; Lc
**23**, 1-5. 13-25; Xn **18**, 28-**19**, 16)

**15** 1Á mañanciña cedo, os sumos sacer-
dotes, os anciáns e mais os letrados,
todo o Sanedrín, despois dunha reunión do
Consello, amarraron a Xesús e fórono entre-
gar a Pilatos. 2Pilatos preguntoulle:
–Es ti o rei dos xudeus?
Respondeulle:
–Ti o dis.
3E os sumos sacerdotes acusábano de moi-
tas cousas. 4Pero Pilatos volveulle preguntar:
–Non respondes nada? Xa ves de cantas
cousas te acusan.
5Pero Xesús non respondeu nada, deixan-
do moi estrañado a Pilatos.
6Polas festas tiña o costume de soltar o
preso que lle pedisen. 7Estaba daquela na ca-
dea un tal Barrabás, xunto cos sediciosos que
nunha revolta mataran a un home. 8Cando
subiu o xentío, empezou a reclamar o indulto
tradicional. 9Pilatos respondeulles:
–Queredes que vos solte ao rei dos xudeus?
10Pois el ben sabía que os sumos sacer-
dotes llo entregaran por envexa. 11Pero eles
encirraban á xente, para que lles liberase a
Barrabás. 12Pilatos respondeu:
–E que fago eu con ese ao que lle chama-
des rei dos xudeus?
13A xente volveu berrar:

**14**, 55 *Sanedrín*: Era o Consello composto polo sumo sacerdote, os sacerdotes xefes, a nobreza anciá leiga e os letrados do pobo. Trataban os asuntos internos dos xudeus, que non caían baixo a xurisdición do gobernador romano.
**14**, 58 Alusión esaxerada ás críticas que Xesús fixo ao templo: de feito, Xesús nunca falou de destruír o templo. Nótase o influxo da Igrexa primitiva, que se consideraba a si mesma o novo templo.
**14**, 61 *O Bendito*: circunlocución para non mencionar o nome de Deus.
**14**, 62 *Á dereita do Todopoderoso*: lit. "Á dereita do Poder". Xesús afirma o seu mesianismo coa frase de Dn **7**, 13 (cf Sal **110**, 1).
**15**, 2 *Rei dos xudeus*: título con pretensións revolucionarias para os romanos, pois as esperanzas mesiánicas estaban postas nel como restaurador do Reino de Israel. Tal o fai constar o letreiro, sinalando a causa da condena.
**15**, 5 *O silencio de Xesús* sitúase no contexto do Servo de Iavé: "non abriu a boca" (Is **53**, 7).

–Crucificao!
14Pilatos replicou:
–Pero, que mal fixo?
Mais eles berraban máis forte:
–Crucificao!
15E Pilatos, para compracer ao pobo, soltou a Barrabás; e a Xesús, despois de o mandar azoutar, entregouno para que o crucificasen.

**Coroación cos espiños** (Mt **27**, 27-31; Xn **19**, 2-3)

16Os soldados levárono para dentro do palacio do gobernador, que é o Pretorio, e chamaron a toda a compañía. 17Vestírono de púrpura, e trenzaron unha coroa con espiños e encaixáronlla. 18Empezáronlle a facer saúdos:
–Saúde, rei dos xudeus!
19E cunha canivela dábanlle golpes na cabeza, cuspían nel e, axeonllándose, rendíanlle homenaxe. 20E despois de faceren riso del, quitáronlle a púrpura e puxéronlle a súa roupa. Despois levárono fóra, para o crucificaren.

**Crucifixión** (Mt **27**, 32-44; Lc **23**, 26-43; Xn **19**, 17-24)

21Pasaba por alí Simón de Cirene, que volvía da leira –o pai de Alexandre e de Rufo–, e obrigárono a cargar coa cruz. 22Levárono a un lugar chamado Gólgota, ou sexa, lugar da Caveira. 23Alí dábanlle viño con mirra, pero non o quixo. 24Crucificárono e *repartiron a roupa, botando sortes*, para saber o que lle tocaba a cada un.
25Era a media mañá cando o crucificaron. 26Un letreiro anunciaba a causa da súa condena: "O rei dos xudeus". 27Con el crucificaron tamén a dous bandidos, un á dereita e outro á esquerda. 29Os que pasaban por alí, burlábanse del, abaneando as cabezas, e dicindo:
–Vaites, vaites, o que destrúe o templo e o reconstrúe en tres días! 30Anda, baixa agora da cruz, e sálvate!
31Do mesmo xeito, os sumos sacerdotes, burlándose entre eles cos letrados, dicían:
–Salvou a outros, pero non se pode salvar a si mesmo! 32O Mesías, o rei de Israel! Que baixe da cruz agora, para que vexamos e creamos!

Tamén os que estaban crucificados con el o aldraxaban.

**Morte de Xesús** (Mt **27**, 45-56; Lc **23**, 44-49; Xn **19**, 28-30)

33Chegado o mediodía, a escuridade cubriu toda a terra, ata as dúas e pico da tarde. 34E nesa hora, Xesús berrou moi forte:
–*Eloí, Eloí, lamá sabacthaní* (que quere dicir: Meu Deus, meu Deus, por que me abandonaches).
35Oíndo aquilo, algúns dos presentes comentaban:
–Oístes? Está chamando por Elías.
36E un deles, botando a correr, empapou unha esponxa en vinagre, espetouna nunha canivela, e deulle de beber, dicindo:
–Deixade, a ver, logo, se vén Elías baixalo.
37Pero Xesús, dando un berro moi alto, expirou. 38O veo do templo rachou en dous de arriba abaixo. 39O centurión, que estaba diante, oíndo o berro que deu ao morrer, dixo:
–Verdadeiramente este home era Fillo de Deus.
40Tamén había mulleres, mirando desde lonxe; entre elas estaban María Magdalena, María a nai de Santiago o Menor e de Xosé, e mais Salomé, 41que o seguían e servían cando estaba en Galilea; e moitas outras que subiran con el a Xerusalén.

**Sepultura de Xesús** (Mt **27**, 57-61; Lc **23**, 50-56; Xn **19**, 38-42)

42Á tardiña, como era o día da Preparación, ou sexa véspera de sábado, 43Xosé de Arimatea, nobre conselleiro que tamén esperaba o Reino de Deus, foi onda Pilatos con gran valor, para lle pedir o corpo de Xesús. 44Pilatos estrañouse de que xa estivese morto, e, chamando polo centurión, preguntoulle se xa morrera; daquela, 45informado polo centurión, entregoulle o cadáver a Xosé. 46El, mercando unha saba, baixouno, envolveuno nela, e acomodouno nun sepulcro escavado na rocha; logo fixo roular unha lousa sobre a entrada. 47María Magdalena e mais María de Xosé enxergaban para ver onde o poñía.

**15**, 23 *Viño con mirra*: cf nota a Mt **27**, 34.
**15**, 24 Sal **22**, 19.
**15**, 25 Lit. "á hora terza".
**15**, 28 Algúns ms. inclúen o v. 28: "E cumpriuse a Escritura, que di: E foi contado entre os malfeitores" (Is **53**, 12; cf Lc **22**, 37).
**15**, 33 Lit. "desde a hora sexta ... ata a hora nona".
**15**, 34 Lit. "e na hora nona". Xesús cita o Sal **22**, 2.
**15**, 36 cf Sal **69**, 22.
**15**, 38 A rachadura do veo do templo ten un valor simbólico, dando a entender que a partires de agora todos os homes e non só o sumo sacerdote o día da Expiación, teñen acceso directo a Deus (cf Heb **9**, 6-8. 11-12).
**15**, 39 A versión de Lc di: "Este home era inocente". Aínda que, polo feito de ser pagán o centurión, parece historicamente máis verosímil o alcance que ten na versión de Lc, non obstante cómpre recoñecer que Mc lle dá á expresión un sentido máis transcendente do que o centurión puidera darlle.

**A resurrección** (Mt **28**, 1-8; Lc **24**, 1-9)

**16** [1]Pasado o sábado, María Magdalena, María de Santiago e mais Salomé mercaron perfumes para iren embalsamalo. [2]E moi cedo, no primeiro día da semana, despois da alborada, foron ao sepulcro. [3]Ían comentando entre elas:

–Quen nos vai arredar a lousa da entrada do sepulcro?

[4]Pero, erguendo a vista, descubriron que a lousa estaba arredada; iso que era moi grande. [5]Entrando no sepulcro, viron un mozo vestido de branco, sentado no lado dereito, e quedaron espantadas. [6]Pero el díxolles:

–Non vos espantedes. Buscades a Xesús Nazareno, o crucificado? Non está aquí, resucitou. Mirade o lugar onde o puxeron. [7]Agora ídelles dicir aos discípulos e mais a Pedro que el vai diante de vós a Galilea; alí o veredes, como vos ten dito.

[8]Elas saíron fuxindo do sepulcro, pasmadas e tremendo; e non lle contaron nada a ninguén, do medo que tiñan.

**Aparición a María Magdalena** (Mt **28**, 9-10; Xn **20**, 11-18)

[9]Xesús resucitou no abrente do primeiro día da semana, e aparecéuselle en primeiro lugar a María Magdalena, da que botara sete demos. [10]Ela fóillelo dicir aos compañeiros del, que estaban chorosos e tristeiros. [11]Pero estes, oíndolle dicir que estaba vivo e que ela o vira, non llo creron.

**Aparición a dous discípulos** (Lc **24**, 13-35)

[12]Despois disto, aparecéuselles, en figura diferente, a dous que ían de camiño a un lugar. [13]Estes fóronllelo contar tamén aos demais, pero nin a eles os creron.

**Misión dos discípulos** (Mt **28**, 16-20; Lc **24**, 36-49; Xn **20**, 19-23; Feit **1**, 6-8)

[14]Por último, aparecéuselles aos Once mentres estaban á mesa, botándolles na cara a súa incredulidade e a dureza de corazón, por non creren a aqueles que o viran resucitado de entre os mortos. [15]E díxolles:

–Ide polo mundo enteiro, anunciando a Boa Nova a toda a creación. [16]Quen crea e se bautice, salvarase; quen non crea, condenarase. [17]Os que crean irán acompañados destes sinais: no meu nome botarán demos; falarán linguas novas; [18]collerán serpes coas mans; e se chegan a beber algún veleno, non lles fará mal ningún; imporanlles as mans aos enfermos, e estes curarán.

**Ascensión de Xesús** (Lc **24**, 50-53; Feit 1, **9**-11)

[19]O Señor, despois de lles falar así, elevouse ao ceo, e *sentou á dereita de Deus*. [20]Eles saíron a predicar por todas partes, contando coa colaboración do Señor, que confirmaba a súa palabra cos sinais que os acompañaban.

**16**, 1 No sábado, día sagrado, non se podía facer ningún exercicio. Remataba á caída do sol.
**16**, 2 Lit. "no primeiro día (despois) do sábado".
**16**, 5 Sobre as narracións das aparicións do resucitado, véxase nota a Mt **28**, 9.
**16**, 8 Este final primitivo (interrompido?) de Mc contrasta cos outros evanxeos, onde as mulleres si falan: cf Mt **28**, 8; Lc **24**, 9. O silencio podía ser expresión do terror sagrado, a causa da revelación da resurrección.
**16**, 9 Os vv. 9-20 que rematan o evanxeo de Mc, non son, con toda probabilidade, do mesmo evanxelista, a xulgar polo vocabulario pouco familiar a Mc, e por estar ausente dalgúns manuscritos moi importantes. Semellan obra de Lc, a xulgar polo estilo e mais por outros aspectos que se perciben no terceiro Evanxeo. En calquera caso, son canónicos, e participan polo tanto da autoridade da revelación. Hai, polo demais, outras variantes deste final.
**16**, 17 Véxase Feit **2**, 43; **4**, 16-30.
**16**, 19 A ascensión está descrita con palabras tomadas da historia de Elías (2 Re **2**, 11) e mais do Sal **110**, 1.

# INTRODUCIÓN AO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

## 1. Autor

*Non hai razóns serias para poder dubidar de que foi Lucas, compañeiro e colaborador de Paulo, que lle chama "médico querido", e a quen acompañou na súa cativIdade en Roma (cf Col* ***4****, 14; 2 Tim* ***4****, 9. 11). Non hai lugar á pseudoepigrafía, pois, de intentarse, aplicaríase o escrito a un apóstolo, e non a un home apostólico. Este Lucas, a xulgar polas semellanzas de vocabulario, estilo e concepcións teolóxicas, vén sendo tamén o autor do libro dos Feitos dos Apóstolos.*

## 2. Destinatarios

*Vai dirixido a "Teófilo", que pode ser unha persoa concreta, ou calquera que "ame a Deus", como indica o seu nome. Tendo en conta o contido, vemos que se dirixe a cristiáns vidos do paganismo, pois suprime os temas propios dos xudeus e explica as institucións palestinas.*

## 3. Tempo e lugar

*Semella posterior ao ano 70, pois a profecía da destrución de Xerusalén aparece con moita precisión. De todos xeitos, tampouco non debería ir máis aló do ano 80.*

*Polo grego empregado, parece que puido ser escrito en Acaia, tal como o afirman bastantes escritores antigos.*

## 4. Características literarias

*Tende a substituír os vocábulos semíticos por equivalentes gregos, máis elegantes ca os dos outros evanxelistas, aínda que eses termos sexan menos eruditos ca os dos clásicos. Procura a exactitude e a concisión, e foxe dos superlativos. As perícopes xóngueas por medio de xiros ou ben de circunstancias de tempo e de lugar.*

## 5. Teoloxía de Lucas

5.1. *Xesús aparece como obra do Espírito, que pousa sobre el e o constitúe no profeta anunciado para os tempos finais (cf Dt* ***18****, 15-18). Ademais é o Señor e tamén o Salvador, que vén buscar o que estaba perdido.*

5.2. *O Evanxeo ten un carácter universal moi marcado: abrangue a todos, sexan ricos ou pobres, oficialmente pecadores ou xustos, xudeus ou pagáns. A xenealoxía de Xesús non engancha simplemente co "pai dos crentes" (Abraham), senón que chega ata o "pai da humanidade" (Adán).*

5.3. *Todo o texto de Lucas recende paz, gozo e loanza. Tamén a filantropía de Deus, manifestada especialmente nas parábolas da misericordia (c.* ***15****).*

5.4. *Lucas é o evanxelista que máis alude á oración. Esta é, co amor, unha das cousas que cómpre facer para acadar a vida eterna (****10****, 38-****11****, 13). Xesús aparece orando nos momentos máis importantes da súa vida.*

5.5. *Para seguir a Xesús, precísase renunciar a moitas cousas, e pospoñer todo.*

5.6. *O profundo sentido social que anima o Evanxeo segundo Lucas, agroma por todas partes. Os pobres aparecen sempre nel como os amigos e preferidos de Xesús. Así, non son os Magos senón os pastores os que van adorar o neno (****2****,8); Xosé e María rescatan a Xesús coa ofrenda dos pobres (****2****, 24); Xesús enxalza ao pobre Lázaro (****16****, 20) e mais a viúva pobre (****21****, 35); e di que son ditosos os materialmente pobres (7, 22), mentres que Deus chimpa do seu poder aos poderosos (****1****, 52).*

5.7. *Ninguén pode considerarse xusto diante de Deus, ninguén pode atinxir a salvación polo cumprimento da Lei mosaica. As persoas deben pedir humildemente o perdón e a salvación, coma o publicano (****18****, 14). Quen se achega a Xesús con humildade acada esa salvación (****5****, 20; 7, 50...).*

5.8. *O Reino de Deus, máis ca unha realidade xa actuante na terra (coma en Mt e Mc), preséntase como algo futuro, que cómpre acadar preparándose nesta terra.*

5.9. *O tempo de Xesús é, para Lucas, o "centro do tempo". Segue ao de Israel, representado en Xoán o Bautista, e precede ao da Igrexa, que vai desde a ascensión de Xesús ata a súa Vinda gloriosa ao remate dos tempos.*

5.10. *Lucas é o evanxelista que máis ten en conta a Virxe María, a "chea de graza" e humilde serva do Señor, na que Deus fixo marabillas.*

## 6. Estrutura

6.1. *Encabezamento:* ***1****, 1-4.*

6.2. *Entrada de Xesús na historia humana:* ***1****, 5-****3****, 20.*

6.3. *Ministerio en Galilea:* ***3****, 21-****9****, 50.*

6.4. *O camiño cara a Xerusalén:* ***9****, 51-****19****, 28.*

6.5. *Ministerio en Xerusalén:* ***19****, 29-****21****, 38.*

6.6. *Saída de Xesús da historia humana:* ***22****, 1-****24****, 49.*

# EVANXEO SEGUNDO LUCAS

**Prólogo**

**1** [1]Posto que moitos emprenderon a tarefa de narrar axeitadamente os feitos ocorridos entre nós, [2]tal como nolos transmitiron desde o principio as testemuñas oculares e mais os predicadores da palabra, [3]decidín eu tamén, despois de me informar con tino desde as orixes, escribirchos ordenadamente para ti, ilustre Teófilo, [4]a fin de que coñezas ben a firmeza das ensinanzas nas que te instruíron.

## INTRODUCIÓN

## NACEMENTO E VIDA OCULTA DE XOÁN O BAUTISTA E DE XESÚS

**Anuncio do nacemento de Xoán**

[5]Houbo no tempo de Herodes, rei de Xudea, un sacerdote chamado Zacarías, do grupo de Abías, casado cunha muller descendente de Aharón, chamada Isabel. [6]Ambos eran xustos ante Deus, pois gardaban sen fallas os seus mandamentos e preceptos. [7]Non tiñan fillos, por ser Isabel estéril e estaren os dous moi entrados en anos. [8]E resulta que, estando el exercendo o sacerdocio diante de Deus, segundo a quenda do seu grupo, [9]entrou no Santuario do Señor, conforme ao ritual, para ofrecer o incenso, [10]mentres a xente do pobo facía oración fóra. [11]Nisto, á dereita do altar do incenso, de pé, aparecéuselle un anxo do Señor. [12]Zacarías, ao velo, turbouse todo, cheo de temor. [13]Mais o anxo díxolle:

–Acouga, Zacarías, que se escoitou a túa petición, e Isabel, a túa muller, vaiche dar un fillo, e vaslle chamar Xoán. [14]Será para ti gozo e alegría, e moitos se alegrarán co seu nacemento. [15]Será grande ante o Señor e *non beberá nin viño nin licor*. Desde o mesmo ventre de súa nai estará cheo do Espírito Santo. [16]Converterá moitos fillos de Israel ao Señor, o seu Deus. [17]Camiñará diante del co espírito e poder de Elías, para *reconciliar pais con fillos*, ensinarlles aos rebeldes o proceder dos xustos e preparar así un pobo ben disposto para o Señor.

[18]Preguntoulle Zacarías ao anxo:

–*E como me constará iso a min*, que xa vou vello e a miña muller tamén xa pasa dos anos?

[19] O anxo respondeu:

–Eu son Gabriel, o que estou preto de Deus e mandoume para falar contigo e darche esta boa nova. [20]E fíxate ben: vas quedar mudo e non poderás falar ata o día no que aconteza todo isto, xa que non criches nas miñas palabras que se han cumprir no seu tempo.

[21]E, mentres, o pobo esperaba por Zacarías, sorprendido de que se demorase tanto dentro do Santuario. [22]Cando por fin saíu, sen lles poder falar, comprenderon que tivera algunha visión no Santuario. El facíalles acenos, permanecendo mudo. [23]E, cando rematou o tempo do seu ministerio, foise para a súa casa.

[24]Días despois, concibiu a súa muller Isabel, que se ocultou durante cinco meses. E dicía para si: [25]"Isto é obra do Señor, que se dignou librarme desta vergonza diante da xente".

**O anuncio do nacemento de Xesús** (Mt **1**, 18-21)

[26]Aos seis meses, Deus mandou o anxo Gabriel a unha vila chamada Nazaré, [27]onda unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María. [28]Entrando onde estaba ela, díxolle:

**1**, 2 Lucas, discípulo e acompañante de Paulo, non coñeceu a Xesús.

**1**, 3 Teófilo. Posiblemente fose un nobre antioquense, que chegou a ser bispo da súa cidade. Non falta quen pense que se trata dunha personificación da comunidade por parte do autor.

**1**, 9 Ao Santuario ("Santo") do templo só tiñan acceso os sacerdotes. Trátase dun lugar sagrado, pero menos ca o "Santo dos santos" (cf Introd. ao N. T., 2c.1).

**1**, 15 Cf Núm **6**, 3.

**1**, 17 A tradición xudía esperaba o retorno de Elías antes do "día do Señor" (Mal **3**, 23). Xoán o Bautista será o "Elías que ha vir" (Mt **17**, 10-13). A cita do texto corresponde a Mal **3**, 24.

**1**, 18 Zacarías pide un signo conforme a toda a práctica bíblica: cf Xén **15**, 8; Xuí **6**, 36ss; 2 Re **20**, 8.

**1**, 25 A esterilidade era considerada coma unha deshonra, incluso coma un castigo: cf 2 Sam **6**, 23; Os **9**, 11.

**1**, 27 A palabra grega é "parthenos", que lit. significa "virxe": así se traduce moitas veces e non é alleo á intención de Lc, que quere subliñar expresamente a virxindade de María (cf v. 34); pero aquí remite directamente ao uso máis espontáneo da palabra, como podería ser "doncela". Con todo, máis natural e acorde co uso parece a tradución adoptada, paralela a moitas das mellores traducións modernas.

**1**, 28 Algúns ms. engaden: "Bendita ti entre as mulleres", acaso por influxo do v. 42.

–Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo.
[29]Ela turbouse con estas palabras, cavilando no que podería significar o saúdo aquel. [30]O anxo continuou:
–Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; [31]e, fixate, *vas concibir no teu ventre e darás a luz un fillo, ao que lle poñerás de nome* Xesús. [32]Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; [33]reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.
[34]María respondeulle ao anxo:
–E como pode ser isto, pois eu son virxe?
[35]O anxo replicoulle:
–O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. [36]Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, [37]*que para Deus non hai imposibles*.
[38]María contestou:
–Velaquí a escrava do Señor: cúmprase en min o que dixeches.
E o anxo marchou de onda ela.

### María visita a Isabel

[39]Naqueles mesmos días saíu María de présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. [40]Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. [41]E, en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre.
Entón, chea do Espírito Santo, [42]exclamou Isabel, a grandes voces:
–Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. [43]Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? [44]Pois ao que chegou o teu saúdo aos meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. [45]Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

### O Magníficat

[46]Entón María exclamou:
A miña alma proclama
a grandeza do Señor,
[47]*e alégrase o meu espírito en Deus,*
*o meu Salvador,*
[48]*porque reparou na súa humilde escraviña*.
Velaí: desde agora
todas as xeracións me van felicitar.
[49]Marabillas o Poderoso fixo en min!
*O seu nome é Santo;*
[50]*a súa misericordia chega*
*xeración tras xeración*
*a todos os que o temen.*
[51]Manifesta o poder do seu brazo,
desbaratando os plans dos soberbios.
[52]*Derruba do seu trono aos poderosos*
*e fai subir aos humildes;*
[53]*aos famentos éncheos de bens*
*e aos ricos despídeos baleiros.*
[54]*Ampara a Israel, o seu Servidor,*
*lembrándose da súa misericordia,*
[55]*conforme prometera a nosos pais,*
*en favor de Abraham*
*e da súa descendencia para sempre*.

[56]María permaneceu con ela tres meses, e logo volveu para a súa casa.

### Nacemento de Xoán o Bautista

[57]Cando se lle cumpriron a Isabel os meses, deu a luz un fillo. [58]En sabendo os parentes e veciños a bondade con que Deus a regalara, fórona felicitar. [59]Aos oito días levaron a circuncidar o neno, e queríanlle poñer Zacarías, coma seu pai. [60]Pero interveu a nai dicindo:
–Non, chamarase Xoán!
[61]Eles replicaron:
–Pero se non hai ninguén na túa parentela que se chame así!
[62]Preguntáronlle por sinais ao pai, como quería que se chamase. [63]El pediu con que escribir e puxo:

**1**, 31: cf Is **7**, 14.
**1**, 33 O Mesías, segundo o A. T., considérase herdeiro do trono de David (cf 2 Sam **7**, 12; Sal **89**, 36s).
**1**, 34 *Pois eu son virxe:* lit. "pois eu non coñezo home". Aquí coñecer ten o sentido bíblico de ter relacións conxugais: a tradución exprésao máis directa e claramente.
**1**, 35 *Fillo de Deus*: en Lc, e de xeito moi claro neste contexto: título que se refire ao misterio de Xesús na súa plenitude; só a el lle corresponde. Por iso non llo aplican os homes, senón Deus mesmo (**3**, 22; **9**, 35), un anxo (aquí), os demoños (**4**, 3. 9. 41; **8**, 28) ou o mesmo Xesús (**10**, 22; **22**, 70; cf nota a este v.).
**1**, 37 Cf Xén **18**, 14.
**1**, 38 *Cúmprase en min o que dixeches:* lit. "fágase en min conforme a túa palabra".

**1**, 46ss O "Magníficat" é un canto que segue o máis puro estilo hebraico e no que se recollen grandes ideas bíblicas: misericordia de Iavé, preferencia polos pobres, promesas aos patriarcas... Inspírase dun xeito especial no canto de Ana (1 Sam **2**, 1-10).
**1**, 47 Cf Hab **3**, 18.
**1**, 48 Cf 1 Sam **1**, 11.
**1**, 49 Cf Sal **111**, 9.
**1**, 50 Sal **103**, 17.
**1**, 52 Cf Eclo **10**, 14.
**1**, 53 Sal **107**, 9.
**1**, 54 Sal **98**, 3; Is **41**, 8-9.
**1**, 55 2 Sam **22**, 51; Miq **7**, 20.
**1**, 59 *Circuncisión*: sinal externo da Alianza de Deus co pobo de Israel.

–Xoán é o nome do meniño.

Todos ficaron sorprendidos. [64]E de súpeto ceibóuselle a lingua, e empezou a falar bendicindo a Deus. [65]Os veciños quedaron todos abraiados, e por toda a montaña de Xudea non se falaba doutra cousa. [66]Todos os que o oían, dicían moi impresionados:

–Que vai ser deste neno?

Porque a man de Deus estaba con el.

[67]Zacarías, o pai, cheo do Espírito Santo, profetizou dicindo:

[68]*Bendito sexa o Señor, Deus de Israel*
porque veu visitar *e redimir o seu pobo*,
[69]suscitando para nós
unha forza de salvación
na casa de David, o seu servo,
[70]conforme prometera desde antigo
por boca dos seus santos profetas:
[71]que nos salvaría dos nosos *inimigos*
*e das mans dos que nos teñen odio*;
[72]que tería *misericordia* de *nosos pais*,
*tendo presente a* súa Santa *Alianza*,
[73]*tal fora a promesa que lle fixera*
*a* Abraham, noso pai,
concedéndonos [74]que,
libres das mans do inimigo,
o sirvamos sen temor,
[75]en santidade e xustiza, diante del,
todos os días mentres dure a nosa vida.
[76]E a ti, meu meniño,
hanche chamar profeta do Altísimo,
porque irás *diante do Señor*,
*preparando os seus camiños*,
[77]anunciándolle a salvación ao seu pobo
mediante o perdón dos pecados,
[78]pois pola misericordia entrañable
do noso Deus
amencerá desde o ceo un sol para nós:
[79]*luz para os que viven nas tebras*
*e xacen entre as sombras da morte*,
para guiar os nosos pasos
polos camiños da paz.

[80]O meniño medraba, facéndose forte de espírito; e viviu no deserto ata o día no que se manifestou a Israel.

**Nacemento de Xesús** (Mt **1**, 18-25)

**2** [1]Saíu daquela un decreto do emperador Augusto, ordenando o empadroamento de todo o mundo. [2]Foi o primeiro censo que se fixo; por entón era Quirino gobernador de Siria. [3]E todos, en cadansúa cidade, fóronse empadroar. [4]Tamén subiu Xosé desde a vila de Nazaré, en Galilea, ata Xudea, á vila de David chamada Belén –pois pertencía á casa e familia de David– [5]para empadroarse con María, a súa muller, que estaba embarazada. [6]E resultou que, estando alí, chegoulle o tempo do parto, [7]e deu a luz o seu fillo primoxénito. Envolveuno nuns capizos e deitouno nunha manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles.

**Alegría de anxos e pastores**

[8]Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ao descuberto vixiando o seu rabaño. [9]Presentóuselles un anxo do Señor, e a auréola do Señor envolveunos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto.

[10]Pero o anxo díxolles:

–Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. [11]Hoxe na vila de David naceuvos un Salvador, o Mesías, Señor. [12]Este é o sinal: atoparedes unha criatura envurullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte.

[13]E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude do exército celestial, que loaba a Deus dicindo:

[14]–Gloria a Deus no ceo
e na terra paz aos homes
que gozan do seu amor!

[15]Cando os anxos se retiraron marchándose ao ceo, comentaban os pastores entre eles:

–Vaiamos a Belén ver o que sucedeu e que o Señor nos manifestou.

[16]Foron a correr e atoparon a María e mais a Xosé, e á criatura deitada na manxadoira. [17]Ao que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño, [18]deixando pasmados a

**1**, 67 Profetizar é falar no nome de Deus e por virtude divina.

**1**, 68 Sal **41**, 14; **111**, 9.
Cántico que recolle grandes resonancias bíblicas: de Acción de Grazas (vv. 68-75) e de visión do futuro (vv. 76-79).

**1**, 72 Lev **26**, 42; Sal **106**, 45.

**1**, 76 Is **40**, 3; Mal **3**, 1.

**1**, 79 Is **9**, 1; **42**, 7.

**2**, 7 *Primoxénito* ten fortes connotacións en toda a Biblia. Significa o herdeiro, o que continúa a estirpe, o portador das bendicións dos patriarcas (incluso con resonancias mesiánicas). Isto explica que Lucas, que tanto valoraba a condición de fillo único, no tocante a Xesús, non empregue a palabra "unixénito".

*Nunha manxadoira, na corte das bestas*: traducimos así a única palabra que ordinariamente se traduce por "presebe", porque, en realidade, a palabra grega (*fatne*) empregada por Lc ten neste contexto esa dobre valencia: 1) en canto non había lugar na "pousada", remítesenos á "corte" onde os viaxeiros gardaban as bestas; 2) en canto se nos di que María o "envurullou e deitou", suxíresenos o lugar concreto, manxadoira ou cambeleira, que serviu de berce.

cantos escoitaban o que tal dicían os pastores. [19]María, pola súa parte, conservaba todas estas cousas no seu corazón. [20]Os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto viran e oíran, tal como lles fora anunciado.

**Circuncisión e presentación do neno no templo**

[21]Aos oito días tocaba circuncidar o neno e puxéronlle de nome Xesús, tal como o chamara o anxo antes da súa concepción. [22]E, cando chegou o tempo da purificación, conforme a Lei de Moisés, levaron o neno a Xerusalén, para llo presentaren ao Señor [23](pois así está escrito na Lei do Señor: *consagraredes ao Señor todo neno primoxénito*), [24]e tamén para faceren unha ofrenda, conforme se di na Lei do Señor: *un par de rulas ou dous pombiños*.

[25]Vivía nese tempo en Xerusalén un home xusto e piadoso, chamado Simeón, que agardaba a restauración de Israel. O Espírito Santo, que estaba con el, [26]tíñalle prometido que non había morrer sen ver o Unxido do Señor. [27]Movido polo Espírito, foi ao templo, e, cando entraban os pais do neno Xesús para cumpriren o mandado pola Lei do Señor, [28]el, colléndoo nos brazos, loou a Deus dicindo:

[29]–Agora podes, Señor,
segundo a túa promesa,
despedir en paz o teu servo,
[30]porque xa os meus ollos
viron o teu Salvador,
[31]o que preparaches
para todos os pobos:
[32]luz de revelación para os xentís
e gloria do teu pobo Israel.

[33]O pai e mais a nai do neno ficaron abraiados polo que tal dicía do neno. [34]Bendiciunos Simeón e díxolle a María, a nai:

–Mira, este está disposto para caída ou soerguemento de moitos en Israel, para ser bandeira de discusión; [35]e a ti mesma unha espada hache atravesar a alma: así ficarán descubertas as cavilacións de moitos corazóns.

[36]Había tamén unha profetisa moi vella chamada Ana, filla de Penuel, da tribo de Axer, que vivira sete anos co seu marido desde que casara, [37]e logo como viúva ata os oitenta e catro. Non se apartaba do templo nin de noite nin de día, servindo a Deus con xaxún e oracións. [38]Presentándose naquel intre no templo, glorificaba a Deus e falaba do neno a todos os que esperaban a redención de Xerusalén. [39]Cando remataron todo o ordenado pola Lei do Señor, volveron para Galilea, á vila de Nazaré.

[40]O neno ía medrando lanzal, forte e intelixente; e a graza de Deus estaba con el.

**Xesús queda no templo**

[41]Polas festas da Pascua seus pais ían todos os anos a Xerusalén. [42]E así, cando o neno tivo doce anos, subiron á festa, conforme a tradición. [43]Pasados aqueles días, cando eles volvían, o neno Xesús quedou en Xerusalén, sen que seus pais se decatasen. [44]Coidando que iría na comitiva, fixeron unha xornada de camiño; entón buscárono entre os parentes e coñecidos. [45]Pero como non deron con el, volveron a Xerusalén para buscalo. [46]E resulta que, ao cabo de tres días, atopárono no templo, sentado no medio dos doutores e dialogando con eles. [47]Todos os que o escoitaban estaban asombrados do seu talento e das súas contestacións. [48]Ao velo, ficaron moi impresionados, e a súa nai manifestoulle:

–Meu fillo! Como te portaches así connosco? Mira que teu pai e mais eu andamos cheos de angustia en busca túa.

[49]El respondeu:

–E logo por que me buscades? Seica non sabiades que eu teño que estar na casa de meu Pai?

[50]Pero eles non entenderon a resposta. [51]Baixou con eles a Nazaré, e vivía baixo a súa autoridade. A nai conservaba todas estas cousas no seu corazón. [52]Xesús *medraba* en estatura, en sabedoría e en *graza diante de Deus e mais dos homes*.

**2**, 20 *Os pastores* estaban mal vistos polas autoridades relixiosas de Israel, e eran contados entre os "pecadores".
**2**, 23 Éx **13**, 2. 12.
**2**, 24 Lev **5**, 7; **12**, 8.
**2**, 35 *Espada*: algúns SS. Padres, como Oríxenes, Crisóstomo, etc. interpretárona como dúbida e vacilación da fe. Refírese máis ben á pesadume que pode experimentar unha persoa humilde ante as esixencias dunha vocación elevada, e sobre todo, a implicación de María no terrible drama da paixón do seu fillo.
**2**, 41 A Lei mandaba peregrinar a Xerusalén polas tres grandes festas: Pascua, Pentecoste e Tabernáculos (Éx **23**, 14; Dt **16**, 16). Pero o costume escusaba das dúas primeiras aos que vivían lonxe.
**2**, 49 *Na casa de meu Pai...* Tamén podería traducirse: "Nos asuntos de meu Pai".
**2**, 52 Cf 1 Sam **3**, 19; Pr **3**, 4.

# PREPARACIÓN DO MINISTERIO DE XESÚS

**Predicación de Xoán o Bautista** (Mt **3**, 1-12; Mc **1**, 1-8; Xn **1**, 19-28)

**3** [1]No ano quince do reinado do emperador Tiberio César, sendo Poncio Pilato gobernador de Xudea e Herodes tetrarca de Galilea; sendo Filipo, seu irmán, tetrarca de Iturea e mais da Traconítide, e Lisanias, tetrarca de Abilene; [2]durante o pontificado de Anás e Caifás, chegoulle a Palabra de Deus a Xoán, fillo de Zacarías, no deserto. [3]Entón el percorreu toda a rexión do Xordán, pregoando un bautismo de conversión, para acadar o perdón dos pecados, [4]conforme está escrito no libro do profeta Isaías:

*Unha voz chama no deserto:*
*Preparade os camiños do Señor,*
*reparade os seus vieiros.*
[5]*Todo barranco se encherá*
*todo monte e outeiro se rebaixará,*
*os camiños tortos hanse endereitar*
*e os fragosos hanse achanzar.*
[6]*E todos verán a salvación de Deus*.

[7]Ía onda el moita xente a que os bautizase, e el dicíalles:

–Camada de víboras!, quen vos ensinou a fuxir do castigo que está a chegar? [8]Dade froitos dignos dunha verdadeira conversión, e non empecedes a dicir entre vós: "Somos fillos de Abraham". Asegúrovos que destas mesmísimas pedras pode sacar Deus fillos de Abraham. [9]Xa está a machada posta na raíz das árbores, e toda árbore que non dea bo froito, será cortada e botada no lume.

[10]E a xente preguntáballe:

–E logo, que temos que facer?

[11]El respondíalles:

–O que teña dúas túnicas, que as reparta con quen non teña ningunha; e que faga o mesmo o que teña que comer.

[12]Foron tamén uns recadadores a se bautizar, e preguntáronlle:

–Mestre, que temos que facer?

[13]El contestoulles:

–Non esixades nada máis do que vos está mandado.

[14]Tamén uns soldados lle preguntaron:

–E nós, que temos que facer?

El contestoulles:

–Non asoballedes nin saqueedes a ninguén, e contentádevos coas vosas pagas.

[15]Como o pobo estaba esperando polo Mesías, empezaba a pensar se acaso non o sería Xoán; [16]pero el declarou diante de todos:

–Eu bautízovos con auga, pero está a chegar o que é máis forte ca min, e a quen eu non son digno de lle desatar os amallós do seu calzado. El havos bautizar con Espírito Santo e con lume. [17]Porque trae a forcada na man, para limpar a súa eira e recoller na hucha o seu trigo; mais a palla ha de queimala no lume que nunca apaga.

[18]Con esta e outras moitas exhortacións anunciáballe a Boa Nova á xente. [19]Pero Herodes, o tetrarca, a quen Xoán reprendía por causa de Herodías, súa cuñada, e por outros crimes, [20]colmounos todos facendo aínda este: meteu a Xoán na cadea.

**Bautismo de Xesús** (Mt **3**, 13-17; Mc **1**, 9-11)

[21]Durante un bautismo xeral, e despois de se bautizar tamén Xesús, mentres oraba abriuse o ceo [22]e baixou sobre el o Espírito Santo na aparencia corporal dunha pomba. Entón oíuse unha voz desde o ceo:

–*Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto; en ti me comprazo*.

**Xenealoxía de Xesús**

[23]Este era Xesús, que tiña trinta anos ao empezar; fillo, segundo se pensaba, de Xosé, que o era de Helí, [24]o de Matat, o de Leví, o de Melquí, o de Xanaí, o de Xosé, [25]o de Matatías, o de Amós, o de Nahum, o de Eslí, o de Nagai, [26]o de Máhat, o de Matatías, o de Semeín, o de Ioseh, o de Iodá, [27]o de Iohanán, o de Resá, o de Zerubabel, o de Xealtiel, o de Nerí, [28]o de Melquí, o de Adí, o de Casam, o de Elmadam, o de Er, [29]o de Xesús, o de Eliezer, o de Iozim, o de Matat, o de Leví, [30]o de Simeón, o de Xudá, o de Xosé, o de Ionam, o de Eliaquim, [31]o de Meleá, o de Mená, o de

**3**, 6 Is **40**, 3-5.

**3**, 11 A predicación de Xoán seguindo a liña profética reclama unha relixiosidade fraternal, nada ritualista (cf Is **58**, 1-12).

**3**, 16 *Havos bautizar con Espírito Santo*. A Escritura atribúe frecuentemente a realización mesiánica ao Espírito (Ez **36**, 26; Is **44**, 3). *Con lume*: do mesmo xeito, o lume indica frecuentemente a presenza do Señor (Xén **15**, 17; Éx **3**, 1ss).

**3**, 22 A presenza do Espírito e a voz chegada de arriba, serven para revelar o misterio de Xesús, o Mesías esperado. As palabras aluden ao Sal **2**, 7. En Mc e Lc a voz diríxese a Xesús.

**3**, 23 A xenealoxía que expón Lucas chega a Adán, para presentar a Xesús sen restricións, con aires de universalismo.

Os trinta anos non era idade exacta, senón legal para cargos públicos.

Matatá o de Natán, o de David, [32]o de Iexé, o de Iobed, o de Boaz, o de Salá, o de Naasón, [33]o de Aminadab, o de Admín, o de Arní, o de Esrón, o de Peres, o de Xudá, [34]o de Xacob, o de Isaac, o de Abraham, o de Tara, o de Nacor, [35]o de Seruc, o de Ragau, o de Pélec, o de Éber, o de Salá, [36]o de Cainam, o de Arfaxad, o de Xem, o de Noé, o de Lámec, [37]o de Metuxalem, o de Henoc, o de Iáret, o de Malelel, o de Cainam, [38]o de Enox, o de Xet, o de Adán, o de Deus.

**As tentacións** (Mt **4**, 1-11; Mc **1**, 12-13)

**4** [1]Entón Xesús, cheo de Espírito Santo, volveu do Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, [2]durante corenta días, e alí o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ao cabo deles sentiu fame. [3]E díxolle o Satán:

–Se es o Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan.

[4]Respondeulle Xesús:

–Está escrito: *O home vive de algo máis ca de pan*.

[5]Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre todos os reinos do mundo. [6]Díxolle o Satán:

–Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: [7]se me adoras, todo será teu.

[8]Respondeulle Xesús:

–Escrito está: *Adorarás o Señor, o teu Deus, e só a El darás culto*.

[9]Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle:

–Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, [10]que está escrito: *Mandará os seus anxos para que te garden*; e tamén: [11]*Levarate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras*.

[12]Xesús respondeulle:

–Está mandado: *Non tentarás o Señor, o teu Deus*.

[13]E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado.

## XESÚS EN GALILEA

**Comeza a predicar. Xesús en Nazaré** (Mt **4**, 12-17; **13**, 53-58; Mc **1**, 14-15; **6**, 1-6)

[14]Coa forza do Espírito Santo, Xesús volveu a Galilea, e a súa sona estendeuse por toda a redonda. [15]Ensinaba nas sinagogas, e todo o mundo dicía moito ben del.

[16]Chegou a Nazaré, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse para facer a lectura, [17]e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuno e atopou unha pasaxe que dicía:

[18]*O Espírito do Señor está sobre min*
*porque El foi quen me unxiu*
*para proclamarlles*
*a Boa Nova aos pobres.*
*Mandoume para lles anunciar*
*a liberación aos presos*
*e a vista aos cegos,*
*para lles dar liberdade aos asoballados,*
[19]*e proclamar o ano de graza do Señor*.

[20]Pechando o libro, devolveullo ao encargado, e sentou. Todos os ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. [21]Logo empezoulles a dicir:

–Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

[22]E todos se lle puxeron á contra, estrañados polas palabras de graza que saían da boca del. E dicían:

–Pero non é este o fillo de Xosé?

[23]El díxolles:

–Seguramente me recordaredes aquel refrán: "Médico, cúrate a ti mesmo"; todo canto oímos que fixeches en Cafarnaúm, faino aquí na túa terra.

**3**, 33 *Peres*: lit. Fares (cf nota a Mt **1**, 3).
**4**, 1 *Espírito Santo*: espírito de Deus. A intención de Lucas parece ser: Xesús vive "segundo o Espírito", é dicir, en íntima comuñón con Deus. De feito, déixase levar polo Espírito de Deus desde o comezo da súa actividade.
**4**, 4 Dt **8**, 3.
**4**, 8 Dt **6**, 13.
**4**, 10s Sal **91**, 11-12.
**4**, 12 Dt **6**, 16.
**4**, 15 A celebración sinagogal comezaba coa expresión de fe de Israel, continuaba cunhas loanzas a Deus, lecturas da Lei e dos outros escritos, tradución ao arameo (a miúdo parafraseada: o Targum), e ás veces comentario esexético (o Midrax). Aí están os precedentes da primeira parte da Misa (cf Introd. ao N. T., 2.c. 2).

**4**, 18 O texto de Isaías (**61**, 1-2) é claro. Non pode de ningún xeito entenderse "espiritualmente". Todo o Evanxeo de Lucas camiña neste sentido. Véxase a nota a **6**, 20.
**4**, 21 Esta curta pero axeitada "homilía" de Xesús vén dicir que nel se cumpre a palabra dos profetas e que a salvación se fai presente na súa persoa.
**4**, 22 *Á contra*: lectura dubidosa. Outros len: "a favor del". O texto grego é ambiguo: ordinariamente significa "a favor"; pero unha vez en Mt e seis nos Feitos (escrito lucano) significa "en contra". Os paisanos de Xesús estrañaríanse, entón, de que el predicase soamente a "graza" e o "perdón", e non o "castigo" de Deus (iso certamente é típico da predicación de Xesús, ao contrario de todos os demais, incluso do Bautista).

[24]Pero el continuou:
—Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. [25]Tede por seguro que no tempo de Elías había moitas viúvas en Israel, cando o ceo estivo pechado durante tres anos e seis meses e unha grande fame anegou todo o país; [26]e a ningunha delas mandaron a Elías, senón a unha muller viúva de Sarepta, en Sidón. [27]E moitos gafos había en Israel no tempo de Eliseo, o profeta, e a ningún deles curou, fóra de Naamán, o sirio.
[28] Oíndo estas cousas, todos os que estaban na sinagoga puxéronse feitos unhas feras; [29]así que, erguéronse, botárono fóra da vila, e levárono ata o alto do monte no que está edificada, coa intención de o precipitaren embaixo. [30]Pero el botou a andar polo medio deles e marchou.

**Curación dun endemoñado** (Mc **1**, 21-28)

[31]Baixou entón a Cafarnaúm, vila de Galilea, e os sábados adoitaba ensinar. [32]Todos estaban sorprendidos do seu ensino, porque falaba con autoridade. [33]E aconteceu que había na sinagoga un home posuído polo espírito dun demoño inmundo, que pegou a berrar dando grandes voces:
[34]—Que temos que ver contigo, Xesús de Nazaré? Seica viñeches para acabares connosco? Ben sei quen es ti: o Santo de Deus.
[35]Xesús ordenoulle:
—Cala a boca e bótate fóra dese home!
E o demo tirou co home no medio e medio e saíu del sen lle facer mal. [36]Todos ficaron abraiados e falaban entre eles dicindo:
—Que terá a súa palabra? Con autoridade e poder manda nos espíritos malos, e eles fanlle caso.
[37]E a sona de Xesús estendeuse por todos os lugares daquela terra.

**Curación da sogra de Pedro e doutros enfermos** (Mt **8**, 14-17; Mc **1**, 29-34)

[38]Ao que saíu da sinagoga, entrou na casa de Simón. A sogra de Simón tiña unha febre moi alta, e pedironlle por ela. [39]Achegándose a onde estaba, ordenoulle á febre que a deixase, e deixouna. Deseguida ergueuse ela, e púxose a servilos.
[40]Á tardiña, cantos tiñan enfermos de calquera doenza levároNllos; el, impoñendo as mans sobre cada un deles, curounos a todos. [41]De moitos saían os demos tremendo e dicindo: "Ti es o Fillo de Deus". Pero el berráballes e non os deixaba falar, porque sabían que el era o Mesías.

**Xesús abandona Cafarnaúm** (Mc **1**, 35-39)

[42]Ao abrir o día, saíu para un lugar arredado. Pero a xente buscouno, indo tras el e tratando de retelo para que non os deixase. [43]Pero el díxolles:
—Tamén cómpre que anuncie o Reino de Deus noutras vilas, que para isto me mandaron.
[44]E andou predicando polas sinagogas de Xudea.

**Primeiros discípulos** (Mt **4**, 18-22; Mc **1**, 16-20)

**5** [1]Estando el á beira do lago Xenesaret, mentres a xente se amoreaba ao seu arredor, escoitando a Palabra de Deus, [2]viu dúas lanchiñas que estaban na beira do lago. Os pescadores que desembarcaran delas, lavaban o aparello. [3]Subiu a unha barca, que era de Simón, rogoulle que se apartase un pouco da terra, e desde a barca, sentado, ensinaba á xente.
[4]Cando acabou de falar, díxolle a Pedro:
—Voga lago a dentro, e larga o aparello para pescar.
[5]Respondeu Simón:
—Mestre, pasamos a noite faenando e non demos collido un rabo de peixe, pero, xa que ti o dis, largarei o aparello.
[6]Así o fixeron, e colleron tal cantidade de peixe que o aparello rebentaba. [7]Fixéronlles entón acenos aos compañeiros da outra lancha para que lles fosen botar unha man. Foron e encheron as dúas lanchas, tanto que, a pouco máis, van a pique. [8]Vendo isto, Simón Pedro botóuselle aos pés a Xesús, dicindo:
—Señor, arreda de min, que eu son un pecador.
[9]Porque tanto el coma os seus compañeiros quedaron parvos con tanto peixe como colleran naquel lance. [10]O mesmo lles pasaba a Santiago e mais a Xoán, fillos de Zebedeo, que eran compañeiros de Simón. E díxolle Xesús a Simón:
—Tranquilo, desde agora vas ser pescador de homes.
[11]Varando as barcas en terra e deixándoo todo, seguírono.

**4**, 25 Lc fai fincapé na resposta fiel dos pagáns, en contraposición á pouca fe dos membros do pobo.

**5**, 8 *Arreda de min...*: Exclamación xurdida dunha experiencia forte de temor relixioso ante aquel acontecemento.

**Curación dun gafo** (Mt **8**, 2-4; Mc **1**, 40-45)

12Dunha vez estaban nunha vila, e un
home todo cuberto de lepra, vendo a Xesús,
botouse rostro en terra e rogoulle:
–Señor, ti, se queres, pódesme limpar.
13El estendeu a man e tocouno, dicindo:
–Pois quero, queda limpo.
E no intre desapareceu a laceira.
14Logo mandoulle que non lle dixese nada
a ninguén, e engadiu:
–Vai, preséntate ao sacerdote e ofrece pola
túa purificación o ordenado por Moisés, para
que lles sirva de testemuño.
15Pero a súa sona espallábase a cada paso
máis, xuntándose moita xente para escoitalo
e para que lles curase as súas doenzas. 16Mais
el retirábase aos lugares arredados para orar.

**Cura a un tolleito** (Mt **9**, 2-8; Mc **2**, 1-12)

17Un día que estaba ensinando, había sen-
tados algúns fariseos e letrados que chegaran
de todas as aldeas de Galilea, de Xudea e ta-
mén de Xerusalén. E, co poder do Señor, el
facía curacións. 18Nisto uns homes trouxeron
nunha padiola a un tolleito, mirando como
metelo dentro para poñelo diante del. 19Pero,
non atopando por onde o meteren, debido
á moita xente que había, subiron ao tellado
e baixárono co leito por entre as tellas, ata
deixalo no medio, diante de Xesús. 20Vendo a
fe que tiñan, dixo:
–Home, quédanche perdoados os teus pe-
cados.
21Os letrados e mais os fariseos empezaron
a razoar:
–Pero quen é este, que así blasfema? Quen
pode perdoar os pecados, senón unicamente
Deus?
22Decatándose Xesús do que pensaban,
díxolles:
–Que cavilades nos vosos adentros? 23Que
é máis fácil dicir: Perdoados quedan os teus
pecados, ou érguete e anda? 24Pois, para que
vexades que o Fillo do Home ten poder na te-
rra para perdoar pecados –díxolle ao tolleito–:
Érguete, colle a padiola e vaite para a casa!
25E así foi: erguéndose no intre diante de-
les, colleu a padiola e foise para a súa casa,
loando a Deus. 26Todos ficaron pasmados, e
cheos de temor loaban a Deus, dicindo:
–Hoxe si que vimos cousas nunca vistas!

**Vocación de Mateo** (Mt **9**, 9-13; Mc **2**, 13-17)

27Despois disto, cando saíu, viu un recada-
dor de impostos chamado Leví, sentado no
telonio, e díxolle:
–Sígueme.
28El, deixando todo, levantouse e seguiu-
no. 29Leví ofreceulle na súa casa un gran
banquete, e había moitos recadadores e outra
xente sentados á mesa con eles. 30E os fari-
seos e os seus letrados refungaban, dicíndo-
lles aos discípulos:
–Por que comedes e bebedes cos recada-
dores e pecadores?
31Xesús respondeulles:
–Non son os sans, senón os enfermos, os
que precisan médico. 32Eu non vin chamar
polos xustos, senón polos pecadores, para
que se convertan.

**Discusión acerca do xaxún** (Mt **9**, 14-17; Mc **2**, 18-22)

33Mais eles replicáronlle:
–Os discípulos de Xoán xaxúan e rezan a
miúdo, como tamén fan os dos fariseos, pero
os teus comen e beben.
34Xesús contestoulles:
–E ides facer xaxuar os convidados á
voda, mentres está con eles o esposo? 35Xa
chegará o día no que lles leven o esposo; da-
quela si que xaxuarán.
36Tamén lles propuxo esta parábola:
–Ninguén racha un vestido novo para lle
botar un remendo a un vestido vello, porque
quedaría roto o novo, e no vello tampouco
diría ben un remendo de pano novo. 37E tam-
pouco ninguén bota viño novo en pelellos ve-
llos, porque rebentarían os pelellos, deitarían
o viño e estragaríanse os pelellos. 38Xa sabe-
des: viño novo quere pelellos novos. 39E nin-
guén que proba o viño vello, quere o novo,
pois dirá: é mellor o vello.

**O asunto das espigas no sábado** (Mt **12**, 1-8; Mc **2**, 23-28)

**6** 1Pasando un sábado por unhas leiras se-
mentadas, os seus discípulos arrincaban
espigas e comíanas, despois de refregalas
coas mans. 2Entón dixeron algúns fariseos:
–Como facedes o que non está permitido
facer no sábado?
3Respondeulles Xesús:

**5**, 24 Cf Mt **8**, 20.
**5**, 29 Aínda que é Lc quen máis resalta o trato de Xesús cos oficialmente pecadores, esa realidade está presente en todos os estratos da tradición evanxélica.
**5**, 35 ... *o Esposo:* Clara referencia a Xesús.
**5**, 36 Cristo trae algo novo, que non resiste esquemas vellos (cf nota a Mt **9**, 17).
**6**, 1 A lei de respectar o sábado era sagrada. Pero Xesús dálle un sentido fondamente humano á legalidade. "O sábado está feito para o home e non o home para o sábado", di en Mc **2**, 27.

–Seica non sabedes o que fixo David cando sentiu fame, el e mais os seus acompañantes? 4Entrou na casa de Deus e colleu o pan das ofrendas, comeu el e deulles aos seus acompañantes, iso que non lles estaba permitido comelos a eles, senón só aos sacerdotes.

5E engadiu:

–O Fillo do Home é o Señor do sábado.

**O home da man tolleita** (**14**, 1-6; Mt **12**, 9-14; Mc **3**, 1-6)

6Outro sábado entrou na sinagoga a ensinar, e atopou un home que tiña unha man tolleita, a dereita. 7Os letrados e mais os fariseos estaban á espreita a ver se se atrevía a curalo en pleno sábado, para o poderen acusar. 8Pero el, coñecendo os seus pensamentos, díxolle ao home que tiña a man tolleita:

–Érguete e ponte no medio!

El ergueuse e púxose no medio. 9Entón Xesús díxolles:

–Fágovos unha pregunta. Que está permitido facer no sábado: o ben ou o mal, salvar a vida ou perdela?

10E botándolles a todos unha ollada chea de indignación, díxolle ao home:

–Estende a túa man!

El fíxoo e a man quedoulle curada. 11Pero eles, todos enrabechados, discutían entre si o que poderían facer con Xesús.

**Elección dos Doce** (Mt **10**, 1-14; Mc **3**, 13-19)

12Por aqueles días foi rezar ao monte, e pasou a noite orando a Deus. 13Cando se fixo de día, chamou aos seus discípulos e escolleu doce entre eles, aos que chamou apóstolos: 14Simón, a quen lle deu o nome de Pedro, e André seu irmán, Santiago, Xoán, Felipe, Bartolomeu, 15Mateo, Tomé, Santiago o de Alfeo, Simón chamado o Celote, 16Xudas o de Santiago e Xudas Iscariote, que logo sería o traidor.

17E baixando con eles, detívose nunha bagoada cun bo grupo de discípulos e numerosa xente de toda Xudea, de Xerusalén e mais de toda a ribeira de Tiro e Sidón, 18que viñan escoitalo e a que os curase das súas doenzas. Os atormentados por espíritos inmundos quedaban curados; 19e toda a xente intentaba tocalo, pois del saía unha forza que curaba a todos.

**Bendicións e maldicións** (Mt **5**, 1-12)

20Xesús, coa mirada posta nos seus discípulos, dixo:

–Ditosos vós os pobres,
porque voso é o Reino de Deus.
21Ditosos os que agora pasades fame,
porque Deus vos fartará.
Ditosos os que agora chorades,
porque riredes.
22Ditosos vós,
cando vos aborrezan os homes,
vos expulsen e vos aldraxen,
cando poñan nas listas negras
o voso nome por causa do Fillo do Home:
23alegrádevos nese día,
brincando de gozo,
porque grande será
a vosa recompensa no ceo,
pois así mesmo foi como os pais deles
lles fixeron aos profetas.
24Pero, ai de vós, os ricos,
porque xa acadastes a vosa satisfacción!
25Ai de vós, os que agora estades fartos:
xa pasaredes fame!
Ai de vós, os que agora rides:
xa choraredes e xa laiaredes!
26Ai, cando todos falen ben de vós:
o mesmo fixeron os seus pais
cos falsos profetas!

**Amor aos inimigos** (Mt **5**, 38-48; **7**, 1-2. 12)

27Pero a vós, que me escoitades, dígovos: Amade os vosos inimigos, facédelles ben aos que vos odian, 28bendicide aos que vos maldín e rogade polos que vos calumnian; 29ao que che zoupe nunha meixela, preséntalle a outra; e ao que che leve o manto, non lle prives de levar tamén a túnica. 30Ao que che pida, dálle; e ao que che leve o teu, non lle reclames nada. 31Así que tratade á xente tal como queredes que vos traten a vós.

32Se amades aos que vos aman, que facedes de máis? Os pecadores tamén aman a quen os aman a eles. 33E se lles facedes ben aos que vos fan ben, que mérito tedes? Os pecadores fan outro tanto. 34E, se non emprestades máis que cando esperades cobrar, poucas grazas! Os pecadores tamén se emprestan

**6**, 15s *Celote* equivale a "celoso", "fanático". Nos tempos de Xesús eran fanáticos relixiosos; na guerra xudía (66-74 d. C.) formaron grupos contra os romanos (cf Introd. ao N. T. 2.e. 6). *Iscariote*, pode ter un significado non moi diferente, provinte de "sicario", o que levaba a "sica" ou puñal (cf Introd. ao N. T., 2.e. 7).

**6**, 20 Mentres Mateo lles dá aos "pobres de espírito" (**5**, 3) un sentido marcadamente relixioso (os mendigos de Deus, é dicir, todo o contrario dos autosuficientes), Lucas, seguindo a súa liña profética, pensa, como se pode ver en todo o texto, no sentido real da pobreza: asoballados, famentos, etc., que veñen ser "os máis pequenos" (**9**, 48), os preferidos de Xesús (Mt **25**, 31-46). Lucas pensaba nunha Igrexa oprimida e famenta, que precisaba consolo, mentres Mateo se dirixía principalmente contra a autosuficiencia farisaica. Véxase nota a Mateo **5**, 3.

entre eles para cobraren despois outro tanto.
35Vosoutros non; vós amade os vosos inimigos, facede o ben e emprestade sen esperardes nada a cambio. E así teredes unha gran recompensa e seredes fillos do Altísimo, pois El é bo cos malos e desagradecidos. 36Sede compasivos coma o voso Pai é compasivo.
37Non xulguedes, e non vos xulgarán; non condenedes, e non vos condenarán; perdoade, e hanvos perdoar. 38Dade, e darásevos a vós: unha boa medida acugulada, rebordada, apertada seravos botada no voso regazo; pois coa medida que midades hanvos medir a vós.

**Comportamento dos discípulos** (Mt **7**, 3-5. 17-20; **12**, 33-35; **15**, 14)

39E púxolles unha comparanza:

–E logo poderá un cego guiar a outro cego? Non caerán os dous na fochanca?
40Non está o discípulo por enriba do mestre; aínda que todo discípulo que chegue a prepararse ben, será coma o seu mestre.

41Por que reparas no lixo que hai no ollo de teu irmán, e non te decatas da trabe que está no teu propio ollo? 42Como lle poderás dicir a teu irmán: Irmán, deixa que che quite o lixo que tes no ollo, sen reparar na trabe que tes no teu? Hipócrita! Quita primeiro a trabe do teu ollo, e logo verás mellor para quitar o lixo do ollo de teu irmán.

43Non hai árbore boa que produza froitos ruíns, nin tampouco árbore ruín que produza froitos bos. 44Así, cada árbore coñécese polos seus froitos. Pois dos toxos non se collen figos, nin das silveiras se vendiman uvas. 45O home bo saca o ben da bondade do seu propio corazón, e o home malo saca o mal da súa maldade, pois do que reborda o corazón fala a boca.

**Obras e non palabras** (Mt **7**, 21. 24-27)

46Por que me chamades Señor, Señor!, e non facedes o que eu vos digo? 47Todo aquel que, achegándose a min, escoita as miñas palabras e as pon en práctica, vouvos dicir a quen se parece: 48Parécese a un home que, ao edificar unha casa, cavou fondo e puxo os alicerces sobre rocha. Cando o río foi por fóra, bateu a enchente contra aquela casa, pero non a puido abanear, porque estaba ben construída. 49Pero quen as escoita e non as pon en práctica, é coma aquel home que edificou unha casa sobre terra, sen cimentos: ao romper contra ela a enchente, xa se derrubou e converteuse nunha grande ruína.

**A fe do centurión** (Mt **8**, 5-13; Xn **4**, 46-54)

**7** 1Cando lle acabou de falar á xente, entrou en Cafarnaúm. 2Había un centurión que tiña un criado enfermo, a quen estimaba moito e que estaba á morte. 3Como tiña oído falar de Xesús, mandou onda el uns anciáns dos xudeus, para lle rogaren que fose salvar o criado. 4Eles, presentáronse a Xesús e suplicábanlle encarecidamente:

–Merece que lle fagas isto, 5pois ama o noso pobo, e el mesmo nos construíu a sinagoga.

6Xesús foi con eles; mais cando xa estaba preto da casa o centurión mandou uns amigos a dicirlle:

–Señor, non te molestes, pois non son digno de que entres baixo o meu teito; 7por iso coidei que non era digno de ir ao teu encontro. Abonda cunha palabra túa e o meu criado quedará curado. 8Pois eu, aínda que son un subordinado, tamén teño homes baixo as miñas ordes, e dígolle a este: "Vai", e vai; a aqueloutro: "Ven", e vén; e ao meu criado: "Fai isto", e faino.

9Oíndo aquilo, Xesús ficou abraiado, e virándose díxolle á xente que o seguía: –Asegúrovos que nin en Israel atopei tanta fe.

10E, ao volveren á casa, os mandados atoparon san o criado.

**Resucita ao fillo dunha viúva**

11Despois disto foi a unha vila, chamada Naín, acompañado dos seus discípulos e outra moita xente. 12Cando estaba chegando á entrada da vila, sacaban a enterrar a un morto, fillo único de súa nai, que era viúva; ía acompañada por moita xente da vila. 13Ao vela, o Señor compadeceuse e díxolle:

–Non chores.

14E achegándose, tocou o cadaleito e os que o levaban pararon, e el mandou:

–Rapaz, falo contigo: érguete!

15O morto incorporouse e empezou a falar; e Xesús entregoullo á súa nai.

16Todos quedaron impresionados e loaban a Deus, dicindo:

–Un gran profeta xurdiu entre nós; Deus visitou o seu pobo.

17E por toda a Xudea e a súa comarca correron estes comentarios.

**6**, 37 Naturalmente non se refire a unha valoración das cousas que tenda a ser obxectiva, senón ao xuízo condenatorio independente da análise crítica.

**6**, 39 As palabras que seguen parecen dirixidas aos discípulos; pero están fora de lugar.
**7**, 15 cf 1 Re **17**, 23.

**Pregunta do Bautista e resposta de Xesús** (Mt **11**, 2-19)

18Os discípulos de Xoán informárono de
todo isto. Entón Xoán, chamando a dous
deles, 19mandounos onda o Señor a lle pre-
guntar:
–Es ti o que ten que vir, ou esperaremos
por outro?
20Presentáronse, logo, onda el os dous ho-
mes e dixeron:
–Xoán o Bautista mándanos a ti, para pre-
guntarche: "Es ti quen ten que vir, ou espera-
remos por outro?".
21Naquela mesma hora curou a moitos de
doenzas, padecementos e malos espíritos, e
devolveulles a vista a moitos cegos. 22E logo
deulles a resposta:
–Ide e contádelle a Xoán o que acabades
de ver e oír: *os cegos ven, os coxos andan*, os
gafos fican limpos *e os xordos oen, os mortos
resucitan e aos pobres estáselles anunciando
a Boa Nova*. 23É ditoso quen non se escanda-
lice de min.
24Ao que se foron os mensaxeiros de Xoán,
comezou Xesús a falarlle de Xoán á xente:
–Que fostes ver no deserto? Unha cani-
vela abaneada polo vento? 25Ou que fostes
ver, logo? Un home vestido con roupas fi-
nas? Pero os que visten elegantemente e con
luxo están nos palacios reais. 26Pois logo, que
fostes ver? Un profeta? Si, e asegúrovos que
moito máis ca un profeta. 27Este é de quen
está escrito:

*Olla, mando o meu mensaxeiro*
*diante de ti*
*para que prepare o camiño ante ti*.

28E dígovos: Aínda non naceu de muller
ninguén meirande do que Xoán o Bautista,
aínda que o máis pequeno no Reino de Deus
é meirande ca el.
29(A xente toda escoitábao, e mesmo os
recadadores de tributos recoñecían a graza
de Deus, facéndose bautizar co bautismo de
Xoán. 30En troques os fariseos e mais os xu-
ristas frustraron o plan de Deus ao refugaren
o seu bautismo).
31–Con quen vos compararei este tipo de
xente? A quen se asemellan? 32Semellan eses
rapaciños que, sentados nos rueiros, rifan en-
tre eles dicindo:

"Tocamos a frauta e non bailastes
fixemos o pranto e non chorastes".

33Porque aparece Xoán o Bautista, que non
come nin bebe, e dicides: "Ten o demo no
corpo!"; 34e aparece o Fillo do Home, que
come e bebe, e dicides: "Mira que larpeiro,
que bebedor e que amigo de recadadores e
pecadores!". 35Con todo, a sabedoría de Deus
quedou ben acreditada por aqueles que son
fillos dela.

**O fariseo e a pecadora** (Mc **14**, 3-9; Xn **12**, 3)

36Un fariseo convidouno a comer; Xesús
entrou na casa del e púxose á mesa. 37Unha
muller, coñecida na vila como pecadora, sa-
bedora de que estaba alí, levou un frasco de
alabastro con perfume de mirra, 38botouse
por detrás aos pés del chorando, e come-
zou a regarllos coas bágoas, secáballos cos
cabelos da súa cabeza e bicáballos mentres
llos unxía co perfume. 39Vendo aquilo, o
fariseo que o convidara dixo para si: "Se
este fose un profeta, coñecería quen é, e que
caste de muller é a que o está a tocar, unha
pecadora".
40Xesús tomou a palabra e díxolle:
–Simón, teño algo que che dicir.
El contestou:
–Pois dío, Mestre.
41–Un prestamista tiña dous debedores,
un debíalle cincocentos denarios, e o outro
cincuenta. 42Como non tiñan con que lle pa-
gar, perdooulles aos dous. A ver, quen deles
o amará máis?
43Respondeulle Simón:
–Supoño que aquel a quen máis lle per-
doou.
El contestou:
–Ben dito.
44E volvéndose cara á muller, díxolle a Si-
món:
–Ti ves esta muller? Entrei na túa casa,
e non me deches auga para os pés, pero ela
regoumos coas súas bágoas e secoumos cos
seus cabelos; 45non me deches o bico, pero
ela desde que entrou non parou de me bi-

**7**, 22 Xesús responde facendo referencia ao cumprimento dos textos de Isaías (cf **26**, 19; **29**, 18s; **61**, 1).
"Aos pobres anúnciaselles a Boa Nova": é o fondo do Evanxeo de Lucas (véxase a nota a **6**, 20).
**7**, 27 Mal **3**, 1.
**7**, 28 O Reino de Deus é a plena manifestación das relacións con Deus, en comparación coa vella situación.
**7**, 29-30 Estes vv. pertencen á redacción do evanxelista Lc, e interrompen o discurso de Xesús.
**7**, 31 *Tipo de xente*: lit. "esta xeración".
**7**, 32 Así como os nenos cantores se queixaban de que ningún tipo de canto lles parecera ben aos outros, así tamén se queixa Xesús do que fan os xudeus.
**7**, 35 Os fillos da Sabedoría son sobre todo os pecadores e recadadores, é dicir, os marxinados, o pobo considerado infiel, que respondeu mellor que os que se tiñan por piadosos.

car os pés; [46]non me unxiches a cabeza con aceite, pero ela unxiume os pés con perfume. [47]Por iso che digo: Moitos pecados se lle perdoaron, cando mostra tanto amor; a quen pouco se lle perdoa, pouco amor mostra.

[48]E díxolle a ela:

–Os teus pecados están perdoados.

[49]Entón os demais convidados empezaron a comentar entre eles:

–Quen é este, que mesmo pretende perdoar os pecados?

[50]Pero el díxolle á muller:

–Salvoute a túa fe, vai en paz.

**Acompañantes de Xesús**

**8** [1]Despois disto púxose a percorrer vilas e aldeas, predicando e anunciando a Boa Nova do Reino de Deus. Ían con el os Doce [2]e mais algunhas mulleres que el curara de doenzas e de malos espíritos: María, chamada a Magdalena, curada de sete demos, [3]Xoana, a muller de Cusa, administrador de Herodes, Susana e outras moitas que o servían cos seus bens.

**Parábola do sementador** (Mt **13**, 1-9; Mc **4**, 1-9)

[4]Como se xuntaba moita xente, chegada de moitas vilas, propúxolles esta parábola:

[5]–Unha vez saíu un labrador a sementar. E ao botar a semente, parte dela foi caendo polo camiño adiante, a xente pisouna e os paxaros comérona; [6]outra caeu entre as pedras, pero aínda que xermolou, secou, por non ter lentura; [7]outra caeu entre silvas, pero ao medrar a silveira, afogouna; [8]outra caeu en boa terra e xermolou, dando o cento por un.

A continuación exclamou:

–Quen teña oídos para oír, que escoite!

**O motivo das parábolas** (Mt **13**, 10-17; Mc **4**, 10-12)

[9]Entón preguntáronlle os seus discípulos que significaba aquela parábola. [10]El respondeu:

–A vós concedéusevos coñecer os misterios do Reino de Deus, pero aos outros unicamente en parábolas, de xeito que

*vendo, non vexan*
*e escoitando, non entendan*.

**Explicación da parábola** (Mt **13**, 18-23; Mc **4**, 13-20)

[11]A parábola significa isto: a semente é a Palabra de Deus; [12]os do camiño son os que tan pronto como oen a Palabra, vén o Satán e repáñallela do seu corazón, non vaia ser que crean e se salven; [13]os das pedras son aqueles que cando a oen, acollen con alegría a Palabra, pero, como non teñen raíz, cren por certo tempo, mais, cando vén a tentación, abandonan; [14]os das silvas son os que a escoitan, pero por mor das preocupacións, riquezas e praceres da vida, non chega a madurecer; [15]os da terra boa, son aqueles de bo e xeneroso corazón, que escoitando a Palabra, retéñena, producindo froito coa súa perseveranza.

**Parábola do candil** (**11**, 33; Mt **5**, 15; Mc **4**, 21-25)

[16]Agora ben, ninguén acende un candil para cubrilo cunha ola ou para metelo debaixo da cama, senón para poñelo nun candeeiro e alumar así a cantos entren. [17]Porque non hai cousa oculta que non se chegue a saber nin segredo que non se chegue a descubrir e traer á luz pública. [18]Atendede logo ben ao que estades escoitando, porque a quen ten, daráselle; pero a quen non ten, háselle quitar aínda o que cre ter.

**A nai e os irmáns de Xesús** (**11**, 27-28; Mt **12**, 46-50; Mc **3**, 31-35)

[19]Apareceron súa nai e mais seus irmáns, pero debido á moita xente, non se podían achegar a el. [20]Entón avisáronо:

–Túa nai e mais teus irmáns están fóra, e quérente ver.

[21]El respondeulles:

–A miña nai e mais os meus irmáns son os que escoitan a Palabra de Deus e a levan á práctica.

**O temporal** (Mt **8**, 23-27; Mc **4**, 35-41)

[22]Un día embarcou nun bote xunto cos seus discípulos e díxolles:

–Veña! Imos para a banda de alá do lago.

Desatracaron, [23]e mentres navegaban, botouse a durmir. Nisto caeu sobre o lago un gran remuíño de vento, e a lancha anegábase,

**7**, 47 Pódese interpretar de diversas maneiras: perdoóuselle moito porque ama moito, ou ama moito porque moito se lle perdoou, ou tamén das dúas á vez. Polo contexto parece mellor a tradución que seguimos.
**8**, 10 Is **6**, 9 Véxase a nota a Mt **13**, 11.

**8**, 18 *A quen ten, daráselle...*: Forma paradoxal, moi típica no rabinismo xudeu. Subliña á vez a seriedade do xuízo e a xenerosidade de Deus.
**8**, 19 Véxase a nota a Mt **12**, 46.

poñéndoos en perigo. [24]Achegáronse a espertalo, dicíndolle:

–Mestre, que afogamos!

El espertou, e berroulles ao vento e ás ondas. Amainaron e veu unha gran calma. [25]Díxolles despois:

–Onde está a vosa fe?

Eles, sorprendidos e admirados, dicían entre eles:

–Pero, quen é este, que manda nos ventos e na auga?

**Curación dun endemoñado** (Mt **8**, 28-34; Mc **5**, 1-20)

[26]Arribaron ao país dos xerasenos, que está en fronte de Galilea. [27]Ao desembarcaren, saíulle ao paso certo home endemoñado da vila, que desde había tempo vivía sen roupa e sen casa. Moraba nos sepulcros. [28]Ao ver a Xesús, púxose a barullar e foi caer ao pé del berrando:

–Que teño eu que ver contigo, Xesús, Fillo do Deus Altísimo? Pídoche por favor que non me atormentes.

[29]E era que el lle estaba mandando ao espírito malo saír daquel home, xa que en moitas ocasións se apoderara del e tíñano que atar con cadeas e grillóns para contelo; pero tronzaba os ferrollos, e o demo turraba por el cara aos campos ermos. [30]Xesús preguntoulle:

–Como te chamas?

El respondeu:

–Chámanme Lexión.

E é que eran moitos os demos que tiña no corpo. [31]Suplicábanlle que non os mandase ir para o abismo. [32]E cadrou que andaba unha boa manada de porcos comendo polo monte; entón eles rogáronlle que lles permitise entrar neles; el accedeu. [33]E, saíndo do home, fóronse meter nos porcos, que se chimparon polo barranco abaixo, e foron afogar no lago. [34]Vendo os porqueiros tal cousa, fuxiron, levando a novidade pola vila e polas aldeas. [35]A xente veu ver o que pasara, achegándose a onde estaba Xesús. Alí atoparon o home, do que saíran os demos, vestido e cheo de xuízo, sentado aos pés de Xesús; e quedaron asustados. [36]Os que viran o feito contáronlles como salvara ao posuído. [37]Entón a xente toda da rexión veciña dos xerasenos rogoulle que saíse de alí, porque estaban cheos de pánico. El, embarcándose, deu volta. [38]O home que tivera os demos pedíalle que o deixase ir con el; pero Xesús despediuno, dicíndolle:

[39]–Volve para a túa casa, e conta o moito que Deus fixo contigo.

E foise, pregoando pola vila enteira canto Xesús lle fixera.

**A filla de Xairo e a muller con hemorraxias** (Mt **9**, 18-26; Mc **5**, 21-43)

[40]Ao volver, Xesús foi recibido pola xente, pois todos estaban a agardar por el. [41]Nisto chega un home chamado Xairo, que era o xefe da Sinagoga, bótase aos pés del e suplicáballe que entrase na súa casa, [42]porque tiña a súa filla única de doce anos ás portas da morte. E indo para alá, a xente non paraba de apertalo. [43]Unha muller que padecía de hemorraxias desde había doce anos, sen que ninguén a puidese curar, [44]achegouse por detrás, tocoulle a orla da roupa e no instante cortóuselle a hemorraxia. [45]Entón Xesús preguntou:

–Quen foi o que me tocou?

Todos dixeron que eles non foran, e Pedro replicou:

–Pero Mestre, a xente estate apertando por todos os lados!

[46]Pero Xesús porfiou:

–Alguén me tocou, que eu ben me decatei de que unha forza saía de min.

[47]Entón a muller, tremendo, veu caer ante el, manifestando diante de todo o pobo por que o tocara e como curara no instante. [48]El díxolle:

–Filla, a túa fe sandoute, vai en paz.

[49]Estando aínda a falar, chegou un da casa do xefe da sinagoga a dicirlle:

–A túa filla morreu, non molestes máis ao Mestre.

[50]Mais Xesús escoitou aquilo e díxolle:

–Non teñas medo: ti ten fe, e a rapaza hase salvar.

[51]Ao chegar á casa, non permitiu a ninguén entrar con el agás Pedro, Xoán, Santiago e o pai e mais a nai da nena. [52]Todos choraban moi aflixidos por ela. Pero Xesús dixo:

–Non choredes: non morreu, está a durmir.

[53]A xente facía risa del, sabendo ben que estaba morta. [54]Entón El, colleuna pola man e chamouna dicindo:

–Acorda, rapaza!

[55]A rapaza recobrou o alento e coa mesma ergueuse; Xesús mandou que lle desen de comer á rapaza. Os pais quedaron admirados; [56]pero Xesús mandoulles non contar nada do sucedido.

**8**, 31 *O abismo* era a prisión definitiva de Satanás, segundo Ap **20**, 3.

**Misión dos Doce** (Mt **10**, 5-15; Mc **6**, 7-13)

**9** [1]Despois de convocar aos Doce, deulles
autoridade e poder sobre todos os demos
e para curar doenzas. [2]E mandounos a predicar o Reino de Deus e a sandar enfermidades,
[3]avisándoos:

–Non levedes nada para o camiño, nin tan sequera un caxato, nin alforxa, nin pan, nin diñeiro, nin dúas túnicas por persoa. [4]Na casa onde entredes, quedade ata que marchedes. [5]Cando non vos acollan, saíde daquela vila e sacudide o po dos vosos pés, para que lles sirva de aviso.

[6]Eles colleron camiño e percorreron as aldeas, anunciando a Boa Nova e curando en todas partes.

**Desconcerto de Herodes** (Mt **14**, 1-2; Mc **6**, 14-16)

[7]Ao saber Herodes, o tetrarca, todo o que pasaba, estaba perplexo, xa que algúns dicían:

–Resucitou Xoán de entre os mortos.

[8]E outros:

–Apareceu Elías.

E outros:

–Un profeta dos antigos resucitou.

[9]Pero Herodes dicía:

–A Xoán mandeino eu decapitar, quen é, logo, ese de quen oio tales cousas?

E buscaba a maneira de ver a Xesús.

**Multiplicación do pan** (Mt **14**, 13-21; Mc **6**, 30-44; Xn **6**, 1-15)

[10]Cando volveron os apóstolos, contáronlle todo canto fixeran. E, colléndoos consigo, retirouse a unha vila chamada Betsaida. [11]Pero cando a xente o descubriu, foino seguindo; el acolleunos, faláballes do Reino de Deus e curaba a cantos o necesitaban. [12]E como empezaba a caer o día, achegáronse os Doce e dixéronlle:

–Despide a xente, para que vaian ás vilas e aldeas próximas en procura de sitio para se hospedaren e para que poidan tamén comprar algo que levar á boca, porque aquí estamos nun descampado.

[13]Pero el replicoulles:

–Dádelles vós de comer!

Eles contestaron:

–Pero se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaiamos nós mercar mantenza para toda esta xente.

[14]Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolles aos seus discípulos:

–Colocádeos en grupos de cincuenta.

[15]Dixéronllelo e sentaron todos. [16]El, colleu os cinco bolos e mais os dous peixes, ergueu a vista ao ceo, bendiciunos, partiunos e déullelos aos discípulos, para que llelos servisen á xente. [17]Comeron todos a fartar e coas sobras encheron aínda doce cestas.

**Confesión de Pedro e primeiro anuncio da paixón** (Mt **16**, 13-23; Mc **8**, 27-33)

[18]Unha vez que estaba en oración nun lugar apartado, acompañado dos seus discípulos, preguntoulles:

–Quen di a xente que son eu?

[19]Eles responderon:

–Uns, que Xoán o Bautista; outros, que Elías; e outros, que algún dos profetas antigos que está resucitado.

[20]Insistiu:

–E vós quen dicides que son eu?

Respondeu Simón Pedro:

–O Mesías de Deus.

[21]Entón el prohibiulles dicir nada a ninguén. [22]E engadiu:

–Cómpre que o Fillo do Home padeza moito, que o rexeiten os anciáns, os sumos sacerdotes e mais os letrados, e que o executen, e que ao terceiro día resucite.

**Como seguir a Xesús** (Mt **16**, 24-28; Mc **8**, 34-9, 1)

[23]Despois dirixiuse a todos:

–Se alguén me quere seguir, que renuncie a si mesmo, que cargue coa cruz de cada día, e que me siga. [24]Pois o que queira poñer a salvo a súa vida, perderaa; pero quen perda a súa vida pola miña causa, ese poñeraa a salvo. [25]Pois de que lle serve ao home gañar o mundo enteiro, se el se perde ou arruína? [26]Porque quen se avergonce de min e das miñas palabras, tamén o Fillo do Home se avergonzará del, cando veña na súa gloria, na do seu Pai e mais na dos santos anxos. [27]E tede por seguro que algúns dos aquí presentes non morrerán sen antes veren chegar o Reino de Deus.

**9**, 16 cf nota a Mc **6**, 41.

**9**, 18 No evanxeo de Lc vemos a Xesús en oración nos momentos máis importantes da súa vida (**3**, 21; **6**, 12ss; **9**, 28ss; **22**, 41ss...).

**9**, 23 Tamén a renuncia aos propios bens é un tema que Lc resalta.

**9**, 26 Lc omite "vir con poder", evitando así a dificultade que supón a frase seguinte.

**9**, 27 Así matizada a frase anterior, pode interpretarse o Reino como vivencia da Igrexa, sobre a que baixa o Espírito do Señor.

**A transfiguración** (Mt **17**, 1-9; Mc **9**, 2-10)

28Oito días despois desta conversa, colleu
a Pedro, a Xoán e mais a Santiago e subiu
ao monte a orar. 29Mentres estaba orando,
cambiou o aspecto do seu rostro, e os seus
vestidos viraron brancos e resplandecentes.
30De súpeto apareceron dous homes falando
con el; eran Moisés e mais Elías. 31Tiñan un
aspecto glorioso e falaban do seu éxodo que
remataría en Xerusalén. 32Pedro e mais os
outros caían co sono, pero, manténdose es-
pertos, contemplaron a súa gloria e os dous
homes que o acompañaban. 33Cando eles se
arredaban, díxolle Pedro a Xesús:

–Mestre, que ben que esteamos nós aquí!
Queres que vos fagamos tres tendas, unha
para ti, outra para Moisés, e outra para Elías?

Pero non sabía o que dicía. 34E mentres
falaba, unha nube cubriunos coa súa som-
bra; eles quedaron moi asustados ao en-
traren nela. 35Entón unha voz dixo desde a
nube:

–Este é o meu Fillo, o Elixido: escoitádeo!

36Cando a voz acabou, Xesús apareceu só.
E eles gardaron silencio. E non lle dixeron
a ninguén nada do que viran naqueles días.

**O neno epiléptico** (Mt **17**, 14-18; Mc **9**, 14-27)

37Ao outro día, baixando do monte, saíulle
moita xente ao encontro 38e un home exclа-
mou:

–Mestre, suplícoche que repares no meu
fillo, que é o único que teño. 39Un espírito
apodérase del, berrando e retorcéndoo entre
escumallos, e cústanos moito que o deixe, e
queda acorando. 40Pedinlles aos teus discípu-
los que llo botasen fóra, pero non llo deron
botado.

41El contestou:

–Oh xeración incrédula e perversa! Ata
que día vou ter que estar convosco e aturar-
vos? Tráeme aquí ese teu fillo.

42E cando llo levaban, o demo retorceuno e
zapateouno no chan. Pero Xesús berroulle ao
espírito inmundo e curou o neno, devolvén-
dollo a seu pai. 43Todos quedaron abraiados
da grandeza de Deus.

**Novo anuncio da súa paixón** (Mt **17**, 22-23;
Mc **9**, 30-32)

Admirado por todos, polas cousas que fa-
cía, Xesús díxolles aos seus discípulos:

44–Quédevos isto ben gravado: ao Fillo do
Home vano entregar nas mans dos homes.

45Pero eles non entendían o que dicía, por-
que lles estaba velado; e non ousaron pedirlle
unha aclaración.

**Quen é o máis importante** (Mt **18**, 1-5; Mc
**9**, 33-37)

46Entón empezaron a discutir sobre quen
deles era o máis importante. 47Xesús léndo-
lles o pensamento, achegou un neno a si 48e
díxolles:

–Quen acolle a este neno no meu nome,
acólleme a min, e aquel que me acolle a min,
acolle a quen me mandou; porque o que é máis
pequeno entre vós, ese é o máis importante.

**Quen non está contra vós, está convosco**
(Mc **9**, 38-40)

49Tomando entón a palabra Xoán, dixo:

–Mestre, vimos un que botaba demos fóra
no teu nome e tratamos de llo impedir, por-
que non é dos nosos.

50Xesús contestoulles:

–Pois non llo privedes, que quen non está
contra vós, está convosco.

## CAMIÑO DE XERUSALÉN

**Rexeitan a Xesús en Samaria**

51Cando se ía cumprir o tempo de que o
levantasen deste mundo, decidiu en firme
ir a Xerusalén. 52Mandou mensaxeiros por
diante. Entrando estes nunha aldea de sama-
ritanos, para lle prepararen pousada, 53non o
recibiron, porque lle coñeceron que ían cara
a Xerusalén. 54Ao veren isto, os discípulos
Santiago e Xoán dixeron:

–Señor, queres que digamos que baixe do
ceo un raio que os parta?

55Pero el volveuse e rifoulles. 56E foron para
outra aldea.

**9**, 35 Nova confirmación do mesianismo de Xesús. A voz que sae da nube, é a voz de Deus.
**9**, 48 Véxase a nota a **6**, 20.
**9**, 51 *Levantado deste mundo*. Na literatura da época significa unha especie de "asunción". Corresponde á última etapa da actividade dun profeta: coma no caso de Elías, pensábase que o levaran deste mundo onda Deus. Tratándose de Xesús, debe entenderse referido á morte e resurrección.
**9**, 52s *Os samaritanos* eran unha especie de cismáticos que se levaban moi mal cos xudeus, que, á súa vez, os desprezaban moito. O templo era un dos principais motivos de litixios (cf Introd. ao N. T., 2.e.5).
**9**, 54 ... *un raio que os parta:* lit. "lume do ceo que os consuma"; cf 2 Re **1**, 10-12.

**Seguir a Xesús** (Mt **8**, 19-22)

57Polo camiño, díxolle un:
–Seguireite, vaias onde vaias.
58Respondeulle Xesús:
–As raposas teñen tobeiras, e os paxaros teñen niños; pero o Fillo do Home non ten onde pousar a cabeza.
59Díxolle a outro:
–Sígueme.
Pero el contestoulle:
–Déixame ir primeiro enterrar a meu pai.
60Respondeulle:
–Deixa que os mortos enterren os seus mortos: ti vai anunciar o Reino de Deus.
61Outro díxolle tamén:
–Señor, seguireite, pero deixa que primeiro me despida da miña familia.
62Contestoulle:
–Quen despois de pór a man no arado, mira para atrás, non é apto para o Reino de Deus.

**Misión dos setenta e dous** (Mt **10**, 1-2; **9**, 37-38; **10**, 9-16; Mc **6**, 7-11)

**10** 1Despois disto designou o Señor a outros setenta e dous, e mandounos de dous en dous por diante del a todas as vilas e aldeas onde tiña pensado ir. 2Díxolles:
–A anada évos ben boa, pero os xornaleiros son poucos; así que rogádelle ao dono da colleita que mande xornaleiros á súa ceifa. 3Ide e sabede que vos mando coma años entre lobos. 4Non levedes saco, nin alforxa, nin calzado, nin vos paredes a parolar con ninguén polo camiño. 5Cando entredes nunha casa, antes de máis nada dicide: "Paz a esta casa!" 6E se alí hai xente de paz, sobre ela repousará a vosa paz; se non a hai, volverá convosco. 7Permanecede na mesma casa, comendo e bebendo do que teñan, que o obreiro ten dereito ao seu xornal. Non andedes dunha casa para outra. 8Cando entredes nunha vila e vos acollan, comede do que vos poñan, 9curade os enfermos que haxa e dicídelles: "Xa chega a vós o Reino de Deus". 10Pero cando non vos acollan na vila na que entredes, saíde ás prazas dicindo: 11"Non queremos levar da vosa vila nin o po que se nos pegou aos pés. Aí vos queda; pero sabede que xa chega o Reino de Deus". 12Asegúrovos que o Día do Xuízo será máis levadío para Sodoma do que para aquela vila.

**Ai das vilas impenitentes!** (Mt **11**, 20-24)

13Ai de ti, Corozaín, ai de ti, Betsaida! Porque se en Tiro e Sidón se fixesen os milagres que se fixeron en vós, hai ben tempo que facían penitencia, cubertos de saco e de cinsa. 14Pero o día do Xuízo será moito máis levadío para Tiro e Sidón do que para vós. 15E ti, Cafarnaúm, *seica pensas que vas chegar ata o ceo? Alagaraste no abismo!*
16Quen vos escoita a vós, escóitame a min, e quen vos rexeita a vós, rexéitame a min; pero o que me rexeita a min, rexeita a quen me mandou.

**Regreso dos setenta e dous**

17Entón volveron os setenta e dous moi contentos, dicindo:
–Señor, aínda os demos tamén se nos someten no teu nome.
18El replicou:
–Eu vía a Satanás caendo do ceo coma un raio. 19Porque vos dei poder para pisardes cobras e mais alacráns e poder sobre toda forza inimiga, e nada vos fará mal. 20Con todo, non vos alegredes de que os espíritos se vos sometan: alegrádevos, máis ben, de que os vosos nomes estean escritos no ceo.

**O Evanxeo é para os sinxelos** (Mt **11**, 25-27; **13**, 16-17)

21E naquel momento exclamou cheo de gozo do Espírito Santo:
–Bendito sexas, Pai, Señor do ceo e mais da terra, porque lles agachaches estas cousas aos sabios e prudentes, e llas revelaches á xente humilde. Si, meu Pai, bendito sexas por che agradar iso así. 22Meu Pai ensinoume todas as cousas, e ninguén coñece ao Fillo a non ser o Pai, nin coñece ao Pai a non ser o Fillo, e aquel a quen o Fillo llo queira revelar.
23E volvéndose aos discípulos, díxolles á parte:
–Benia os ollos que ven o que vós vedes. 24Porque é ben certo que moitos profetas e reis arelaron ver o que vós vedes, e non o viron; e oír o que vós oídes, e non o oíron.

**10**, 15 Is **14**, 13-15.
**10**, 21 Este texto, dos máis significativos de Lucas, expresa moi ben que Deus é un don puro, que só os "pequenos" (con toda a carga que Lucas pon nesta palabra) reciben con sinxeleza e sen autosuficiencia.
Xesús viviu con inmenso gozo esta realidade, sobre todo en certos momentos exultantes, coma o presente. A súa relación tan especialmente íntima con Deus, chamándolle "Abbá" (Papaíño), introdúcenos nun mundo relixioso nunca sospeitado, e que precisamente tanto escandalizou aos sabidos, puritanos e cridos fariseos. Véxase a nota a Mt **6**, 9.

**O gran mandamento** (Mt **22**, 34-40; Mc **12**, 28-31)

25Ergueuse certo xurista e preguntoulle para o poñer á proba:
–Mestre, que teño que facer para herdar a vida eterna?
26El respondeulle:
–Que pon a Lei? Que les?
27Contestou:
–*Amarás o Señor teu Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa forza e con todo o teu entendemento, e ao próximo coma a ti mesmo*.
28El díxolle:
–Contestaches perfectamente: cúmpreo e vivirás.

**Parábola do bo samaritano**

29Pero o xurista, querendo xustificarse, preguntoulle a Xesús:
–E quen é o meu próximo?
30Xesús replicou:
–Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Iericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubaren e bouraren nel, deixárono medio morto. 31Cadrou a baixar polo mesmo camiño un sacerdote, que, ao velo, deu un rodeo e pasou de largo. 32Igual fixo un clérigo, que pasaba por alí: ao chegar e velo, deu un rodeo. 33Pero un samaritano, que ía de camiño polo mesmo lugar, ao velo, sentiu mágoa; 34e achegándose a el, curoulle as feridas con aceite e viño e vendoullas. Logo, montouno na súa cabalgadura, levouno a unha pousada e coidouno. 35Ao outro día colleu dous denarios, deullos ao pousadeiro, e díxolle: "Coida del, e cando volva xa che pagarei o que gastes de máis". 36Quen dos tres che parece que foi próximo do que caeu nas mans dos bandidos?
37El respondeu:
–O que practicou a misericordia con el.
Díxolle Xesús:
–Pois ti vai e fai outro tanto.

**Visita a María e Marta**

38Cando ían de camiño, entrou en certa aldea, e unha muller chamada Marta acolleuno na súa casa. 39Esta tiña unha irmá chamada María, que sentada aos pés do Señor, escoitaba as súas palabras. 40Marta, en troques, estaba moi apurada co labor da casa; e achegándose a el, díxolle:
–Señor, non che importa que miña irmá me deixe a min o traballo? Dille que me bote unha man.
41Pero o Señor respondeulle:
–Marta, Marta, preocúpaste e desacóugaste con tantas cousas, 42pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar.

**A oración** (Mt **6**, 9-15; **7**, 7-11)

**11** 1Dunha vez, despois de estar el orando en certo lugar, un dos discípulos pediulle:
–Mestre, apréndenos a rezar, como lles aprendeu Xoán aos seus discípulos.
2 Respondeulles:
–Cando recedes, dicide:
Pai, sexa santificado o teu Nome!
Pai, veña o teu Reino!
3 Dános cada día o noso pan.
4 E perdoa os nosos pecados,
como tamén perdoamos nós
a todo o que nos debe;
e non nos sometas á tentación.
5Logo continuou:
–Botade de conta que un de vós ten un amigo, que vos presentades na casa del pola noite, fóra, e que lle dicides: "Amigo, déixame tres bolos de pan, 6que me veu un amigo de viaxe, e non teño nada que lle poñer diante". 7E que aquel, desde dentro, responde: "Non me amoles, está a porta pechada, eu e mais os nenos estamos na cama: non me podo erguer agora para chos dar". 8Desde logo que, se non se levanta para llos dar por se tratar dun amigo, polo menos por ser teimudo, erguerase e hallos dar. 9Por iso dígovos: Pedide e recibiredes, buscade e atoparedes, petade e abrirásevos, 10que todo o que pide, recibe; o que busca, atopa; e a quen peta, abriráselle. 11Ou logo, que pai hai entre vós que, se o seu fillo lle pide un peixe, lle dá unha cobra?; 12ou se lle pide un ovo, lle dá un

**10**, 27 Lev **19**, 18; Dt **6**, 4-5.
**10**, 31 A razón de pasar de largo o sacerdote e mais o levita non é a falta de xenerosidade, senón o respecto escrupuloso á Lei, que prohibía tocar un cadáver (cf Núm **5**, 2; **19**, 2-13). A forza da parábola está precisamente nisto: que un samaritano non cumpridor da Lei xudía resulta ser o verdadeiro cumpridor do espírito desa Lei, ao antepoñer o amor a calquera interese persoal.
**10**, 42 *Soamente unha é necesaria.* Outra lectura posible: "Poucas son as necesarias, por non dicir unha soa".

**11**, 3 *Dános cada día o noso pan*. É interesante notar que Lc ao revés de Mt **6**, 11 non insiste unicamente no pan escatolóxico (do último día do Reino), senón no necesario para a vida ordinaria, para cada día. Hai tamén, posiblemente, alusión á Eucaristía.
**11**, 4 *Non nos sometas á tentación*: Lc semella aludir á proba decisiva do final dos tempos, namentres Mt pensa máis ben en que o Señor nos defenda fronte ao "Malo", ao demoño (Mt **6**, 13).

alacrán? [13]Pois se vós, sendo ruíns, ben lles sabedes dar cousa boas aos vosos fillos, canto máis o Pai celestial dará o Espírito Santo aos que llo pidan!

**Xesús e Belcebul** (Mt **9**, 32-34; **12**, 22-30. 43-45; Mc **3**, 22-27)

[14]Estaba botando un demo mudo; e cando saíu o demo, falou o mudo. A xente quedou abraiada, [15]pero algúns deles dixeron:

–Este bota fóra os demoños co poder de Belcebul, xefe dos demos.

[16]Outros, para probalo, reclamábanlle un sinal do ceo. [17]Pero el, coñecéndolles o que pensaban, díxolles:

–Todo reino dividido contra si mesmo fica asolado, caendo casa sobre casa. [18]Pois ben, se Satanás está dividido contra si mesmo, como se vai soster o seu reino? Vós dicides que boto os demos co poder de Belcebul. [19]Pero se eu boto os demoños co poder de Belcebul, co poder de quen os botan vosos fillos? Por iso, eles mesmos serán os vosos xuíces. [20]Pero se boto os demos co poder de Deus, é que xa chegou a vós o Reino de Deus. [21]Mentres un home forte e armado garda o seu pazo, os seus bens están seguros; [22]pero se chega un máis forte e o vence, quitándolle as armas nas que confía, repartirá o botín. [23]Quen non está comigo está contra min, e quen non recolle comigo, derrama.

**Volta do espírito malo** (Mt **12**, 43-45)

[24]Cando o espírito malo sae do home, vai polos ermos adiante buscando acougo; se non o atopa, di: "Volverei á miña casa de onde saín"; [25]e, ao chegar, atopa a casa varrida e ordenada. [26]Entón vai, colle consigo outros sete espíritos aínda peores ca el, e entrando todos, establécense alí; resultando que á fin aquel home acaba estando peor do que ao principio.

**A verdadeira felicidade**

[27]Mentras el dicía estas cousas, unha muller de entre a xente exclamou en voz alta:

–Ditoso o ventre que te levou e os peitos que te criaron!

[28]Pero el replicoulle:

–Ditosos máis ben os que escoitan a Palabra de Deus e a gardan.

**O sinal de Xonás** (Mt **12**, 38-42; Mc **8**, 12)

[29]A xente xuntábase arredor del, e Xesús púxose a dicirlles:

–Esta é unha xeración perversa; reclama un sinal, pero non se lle vai dar máis sinal ca o de Xonás. [30]Pois como Xonás foi sinal para os ninivitas, así o será tamén o Fillo do Home para esta xeración.[31]A reina do Sur enfrontarase no Xuízo con estes homes, e fará que os condenen, porque ela veu desde o cabo do mundo para escoitar a sabedoría de Salomón; e aquí está quen é máis ca Salomón. [32]Os habitantes de Nínive enfrontaranse no Xuízo con esta xeración e farán que a condenen, porque eles convertéronse cando escoitaron a predicación de Xonás; e aquí está quen é máis ca Xonás.

**A lámpada** (**8**, 16; Mt **5**, 15; **6**, 22-23; Mc **4**, 21)

[33]Ninguén acende unha lámpada para metela nun recuncho ou debaixo do modio, senón enriba dun candeeiro, para que cantos entren vexan a luz. [34]A luz do teu corpo é o teu ollo. Se o teu ollo está san, todo o teu corpo estará alumado; pero se está malo, tamén o teu corpo estará na escuridade. [35]Mira ben, logo, que a luz que hai en ti non sexa realmente escuridade. [36]Se o teu corpo está alumado, sen traza de escuridade, estará resplandecente coma cando a candea te aluma co seu fulgor.

**Contra os fariseos e xuristas** (**20**, 45-47; Mt **23**, 1-36; Mc **12**, 38-40)

[37]Mentres falaba, un fariseo convidouno a comer na súa casa. Entrou e púxose á mesa. [38]Ao fariseo estrañoulle que non se lavase antes de comer. [39]Pero o Señor díxolle:

–Vós, os fariseos, limpades por fóra a copa e mais o prato, e por dentro estades ateigados de roubos e maldade. [40]Sodes parvos! O que fixo o de fóra, non fixo tamén o de dentro? [41]Pois logo, dade en esmolas o que hai dentro, e veredes como todas as cousas serán limpas para vós.

[42]Ai de vós, fariseos! Pagades o décimo pola menta, pola ruda e por todas as verduras, e deixades a un lado a xustiza e mais o amor de Deus. Pero é isto o que hai que practicar, aínda que sen descoidar o outro.

**11**, 27 Lc ten a preocupación de falar de María, non só nos *Evanxeos* da Infancia (cc. **1-2**), senón tamén ao longo de toda a súa obra, como aquí, que recolle esa loanza para a Virxe.

**11**, 41 Versículo escuro. En calquera caso, exhórtase a purificar a propia interioridade, conscientes de que, se o noso interior está limpo, calquera cousa que fagamos irá marcada por esa pureza.

43Ai de vós, fariseos, que devecedes polos
primeiros postos nas sinagogas, e porque vos
fagan reverencias nos rueiros!
44Ai de vós, que sodes coma sepulcros que
non se ven, e que a xente pisa sen se decatar!
45Entón un xurista, tomando a palabra, re-
plicoulle:
–Mestre, dicindo esas cousas, tamén nos
aldraxas a nós.
46El contestoulle:
–Ai tamén de vós, os xuristas, porque bo-
tades enriba dos homes fardos insoportables,
e vós nin cun dedo os tocades!
47Ai de vós, que lles facedes grandes pan-
teóns aos mesmos profetas que asasinaron
vosos pais! 48Así aprobades co voso testemu-
ño o que fixeron vosos pais: eles asasinaron e
vós facedes os panteóns.
49Por iso dixo a Sabedoría de Deus: Man-
dareilles profetas e apóstolos, e perseguirán
a uns e asasinarán a outros; 50de xeito que a
esta xeración se lle han pedir contas do san-
gue dos profetas vertido desde a creación do
mundo: 51desde o sangue de Abel ata o san-
gue de Zacarías, que morreu entre o Altar e
o Santuario. Si, seguro que se lle han pedir
contas a esta xeración.
52Ai de vós, xuristas, porque levastes a
chave do saber! Nin vós entrastes nin deixas-
tes entrar aos que querían entrar.
53E saíndo de alí, os letrados e fariseos
empezaron a encirralo, tirándolle da lingua,
54para ver se o pillaban no que dicía.

**Actitudes do discípulo** (**9**, 26; **21**, 14; Mt **10**, 19-20. 26-33; **12**, 32; Mc **3**, 29; **8**, 38; **13**, 11)

**12** 1Tanta era a xente reunida arredor del
que se pisaban uns a outros. El comezou a falar, dicíndolles primeiramente aos discípulos:
–Coidadiño co fermento dos fariseos, que
é a hipocrisía! 2Non hai cousa encuberta que
non se acabe descubrindo nin cousa oculta
que non se acabe sabendo. 3Porque canto te-
des dito na escuridade oirase a plena luz, e
o que falastes ás agachadas nos dormitorios
hase pregoar desde as azoteas. 4E a vós, ami-
gos meus, tamén vos digo: non lles teñades
medo aos que matan o corpo pero xa non
poden pasar de aí. 5Vouvos dicir a quen lle
tedes que ter medo: temede a quen, despois
de matar, pode meter no inferno. Así, repí-
tovolo, temede a este. 6Non se venden cinco
pardais por dous patacos? Con todo, Deus
non esquece a ningún. 7E mesmo os pelos da
vosa cabeza están contados. Por iso non teña-
des medo, que vós valedes máis ca todos os
pardais xuntos.
8E asegúrovos: todo o que volva por min
diante dos homes, tamén o Fillo do Home
volverá por el diante dos anxos de Deus.
9Pero a quen me negue diante dos homes,
tamén o negarán ante os anxos de Deus. 10A
todo aquel que fale en contra do Fillo do
Home perdoaráselle; pero ao que blasfeme
en contra do Espírito Santo non se lle per-
doará. 11Cando vos leven ás sinagogas, ante
os maxistrados e autoridades, non vos pre-
ocupedes de como vos ides defender e do
que ides dicir: 12xa vos ensinará o Espírito
Santo naquela mesma hora o que é preciso
dicir.

**A cobiza: parábola do rico insensato** (Mt **6**, 25-34; **19**, 21)

13Díxolle entón un que estaba entre a xen-
te:
–Mestre, dille a meu irmán que reparta a
herdanza comigo.
14El contestoulle:
–Home, quen me nomeou xuíz ou testamen-
teiro entre vós?
15E logo díxolle á xente:
–Atención: Gardádevos da cobiza, que por
moito que un teña, non por iso a súa vida de-
pende dos seus bens.
16E propúxolles unha parábola:
–As terras de certo home rico déran-
lle moito froito. 17Púxose entón a cavilar:
"Como vou facer, que non teño onde meter o
froito?". 18E dixo: "Xa o sei. Vou desfacer os
meus celeiros, e constrúo outros máis gran-
des e alí meto o trigo todo e todos os meus
bens. 19Logo direime a min mesmo: Amigo,
xa tes aí reservas para moitos anos; descansa,
come, bebe, e... a vivir!". 20Pero Deus díxo-
lle: "Insensato, esta mesma noite váiseche
reclamar a túa vida: para quen será todo o
que fixeches?". 21Así é quen atesoura rique-
zas para si, pero non é rico para Deus.

**11**, 43 Iso acontecía cos escribas, que xa nos tempos de Xesús eran na maior parte fariseos (cf **20**, 46-47 e nota).
**11**, 44 É dicir, estades cheos de podremia sen que se note, sorprendendo así e contaminando a boa fe dos demais.
**11**, 48 Pola hipocrisía de mitificar aos profetas asasinados.
**12**, 10 *A blasfemia en contra do Espírito*: para Lc, que escribe en contexto cristián, significa a apostasía. Mt fala nun contexto e cun significado distinto (cf nota a Mt **12**, 32).

**Confianza no Pai** (Mt **6**, 19-21. 25-34)

22E díxolles aos seus discípulos:

–Por iso dígovos: Non andedes agoniados pola vosa vida (que ides comer) nin polo voso corpo (que ides vestir). 23Non vale máis a vida do que a mantenza? e non vale máis o corpo ca o vestido? 24Ollade para os corvos: nin sementan, nin segan, nin tampouco teñen tullas e, mesmo así, Deus mantenos. Pois, canto máis valedes vós ca os paxaros!

25E quen de vós, por moita ansia que poña lle pode engadir un cóbado á súa estatura? 26Pois logo, se non podedes acadar o máis pequeno, por que andades tan agoniados polo resto? 27Aprendede dos lirios, que nin fían nin tecen, e seguro que nin Salomón en toda a súa gloria chegou a vestir coma un deles. 28Pois se a herba do campo, que hoxe verdea e mañá a botamos no forno, Deus a viste así, canto máis non fará convosco, homes de pouca fe! 29Non vos angustiedes polo que ides comer ou beber; non andedes desacougados. 30Que por esas cousas todas andan agoniados os pagáns; e ben sabe o voso Pai que é o que precisades. 31Procurade, máis ben, o seu Reino, e esas cousas todas hánsevos dar de máis a máis.

32Non teñas medo, miña grea pequena, que o teu Pai compraceuse en darche o Reino. 33Vendede os vosos bens e dádeos en esmola, facede bolsas que non se estraguen, un tesouro inesgotable no ceo, onde o ladrón non pode chegar e onde a traza non o bota a perder. 34Pois onde está o teu tesouro, estache o teu corazón.

**Estade preparados** (Mt **24**, 42-51)

35Tede posta a roupa de traballo e as lámpadas acesas; 36sédeme coma os que agardan que volva o seu amo da voda, para que, cando chegue e chame, lle poidan abrir. 37Ditosos os criados a quen o amo atope agardando cando chega. Tede por certo que poñerá a roupa de traballo, sentaraos na mesa e serviraos un por un. 38Sexa pola anoitecida ou sexa pola alborada, se os atopa así, felices eles. 39Entendede ben: se o dono da casa soubese a que hora vai chegar o ladrón, non permitiría que lle asaltasen a casa. 40Así tamén: estade vós preparados, porque á hora menos pensada ha vir o Fillo do Home.

41Díxolle Pedro:

–Señor, a parábola que acabas de contar vai por nós ou por todos en xeral?

42Contestoulle o Señor:

–Quen é, logo, o administrador fiel e prudente, a quen o seu señor encargará o coidado de dar no seu tempo a ración de trigo á servidume? 43Ditoso o criado aquel, a quen o seu amo, cando chega, o atopa cumprindo coa súa tarefa! 44Tede por seguro que lle encomendará toda a facenda. 45Pero se o criado aquel di para si: "O amo aínda non vén por agora", e empeza a mallar nos criados, comendo e bebendo ata se emborrachar; 46o día menos pensado e á hora máis imprevista, chegará o amo do criado aquel e botarao fóra cos infieis. 47O criado que, coñecendo as vontades do amo, non ten todo preparado nin feitas as cousas como a el lle gustan, levará moitos paus; 48pero o que non as coñece, aínda que faga algo que mereza castigo, levará poucos. A quen moito se lle dá, moito se lle esixirá; e a quen moito se lle confía, moito se lle pedirá.

**Xesús, causa de división** (Mt **10**, 34-36)

49Lume vin traer á terra: e que máis quería eu ca que xa estivese a arder! 50Hanme bautizar cun bautismo e xa me tarda a hora de que se cumpra! 51Pensades que vin traer a paz á terra? Abofé que non: vin traer división. 52Pois desde agora na casa onde haxa cinco, estarán divididos tres contra dous e dous contra tres; 53estarán enfrontados *pai con fillo e fillo con pai, nai con filla e filla con nai, sogra con nora e nora con sogra*.

**Sinais dos tempos** (Mt **16**, 2-3; **5**, 25-26)

54Dicíalle tamén á xente:

–Cando vedes que da banda do mar vén unha nube, axiña dicides: "Temos chuvia", e así é; 55e cando venta do sur, dicides: "Velaí

**12**, 22 Texto moi lucano, no que se salienta a confianza no Pai, que viste e da de comer aos paxaros do ceo. Que non fará coas persoas?

**12**, 33 *Dádeos en esmola*: para vivir de acordo co Reino de Deus, hai que empregar axeitadamente os nosos bens, compartíndoos cos necesitados. De feito, o que "atesoura para si", non é rico para Deus, non vive a mensaxe do Reino.

**12**, 35 *Tede posta a roupa de traballo:* lit. "Tede cinguida a cintura".

**12**, 46 *Botarao fóra*: cf nota a Mt **24**, 51.

**12**, 49 Tendo en conta que no A. T. Deus se presentaba rodeado de lume (Éx **19**, 18), que era "coma un lume abrasador" (Éx **24**, 17), e que falaba desde o medio do lume (Dt **4**, 12. 36; **5**, 5. 22. 24. 26), o mais probable é que a expresión veña significar que Cristo fixo que o Reino de Deus aparecera na terra. Xesús quererá que ese Reino, que é coma unha semente, se volva unha árbore: que ese lume incipiente se poña a arder de cheo.

**12**, 50 *Bautismo:* Referencia á morte de Xesús, tendo en conta que o verbo que está por *bautizar* significa someterse.

**12**, 53 Miq **7**, 5-6.

**12**, 54 *Do mar*: lit.: "de occidente".

vén o calmizo", e vén mesmo. [56]Hipócritas!: se sabedes interpretar o cariz da terra e mais o do ceo, como non sabedes interpretar o momento presente? [57]E por que non xulgades por vós mesmos o que cómpre facer? [58]Cando vaias co teu contrario ao xuíz, mira de librarte del polo camiño; non sexa que te arrastre onda o xuíz e este te entregue ao garda para que te meta na cadea. [59]Que de alí seguro que non saes ata que pagues o último céntimo.

### Parábola da figueira

**13** [1]Naquel intre presentáronse algúns para contarlle o caso aquel de cando Pilatos mesturara o sangue duns galileos co dos sacrificios que ofrecían. [2]El respondeulles:

–Coidades que eses galileos eran máis pecadores ca os demais, porque acabaron así? [3]Non tal, e asegúrovos que como non vos arrepintades acabades todos igual. [4]Seica pensades que aqueles dezaoito que morreron esmagados pola torre de Siloé eran máis culpables ca os outros habitantes de Xerusalén? [5]Non tal, e asegúrovos que, se non vos arrepentides, todos acabaredes igual.

[6]E púxolles esta parábola:

–Un home tiña unha figueira plantada na súa viña; foi ver se tiña froitos e non llos atopou. [7]Díxolle ao vendimador: "Xa hai tres anos que veño buscar froito nesta figueira e non llo atopo. Córtaa, para que vai cansar máis a terra?". [8]El respondeulle: "Señor, déixaa aínda un ano máis; vou ver se eu lle cavo un pouco arredor e lle boto esterco; [9]a ver se así dá froito...; e, onde non, pódela cortar".

### A muller dobrada

[10]Un sábado estaba Xesús ensinando nunha das sinagogas. [11]Había alí unha muller eivada por causa dun espírito: había dezaoito anos que estaba dobrada sen se poder endereitar. [12]Xesús ao vela chamou por ela e díxolle:

–Muller, quedas ceiba da túa enfermidade.

[13]E impúxolle as mans. Ela ficou curada no momento e empezou a loar a Deus. [14]Entón o xefe da sinagoga, indignado de que Xesús curase nun sábado, díxolle á xente:

–Hai seis días para traballar, vide durante eses días para que vos cure e non precisamente no sábado.

[15]Replicoulle Xesús:

–Hipócritas! Non ceibades vós, nos sábados, o voso boi ou o voso burro, para os levar a beber? [16]E logo esta filla de Abraham, que leva dezaoito anos atada por Satanás, non a imos poder ceibar por ser sábado?

[17]Cando tal lles dixo aos adversarios, todos viraron rubios diante del e toda a xente se alegraba das marabillas que facía.

### Parábola do gran de mostaza e mais do fermento (Mt **13**, 31-33; Mc **4**, 30-32)

[18]E dicía tamén:

–A que se asemella o Reino de Deus, a que volo compararía eu? [19]Évos coma un gran de mostaza que un home sementou na súa horta; medrou e converteuse nunha árbore e *os paxaros do ceo aniñaban nas súas pólas*.

[20]E proseguiu:

–A que vos compararía eu o Reino de Deus? [21]Évos coma o fermento que unha muller botou en tres medidas de fariña ata que todo levedou.

### A porta estreita (Mt **7**, 13-14. 21-23; **25**, 10-12)

[22]Atravesaba vilas e aldeas ensinando, camiño de Xerusalén. [23]Un preguntoulle:

–Señor, e logo son poucos os que se salvan?

El respondeu:

[24]–Loitade para entrardes pola porta estreita, porque vos aseguro que moitos intentarán entrar e non poderán. [25]Despois que o dono da casa peche a porta e empecedes os de fóra a petar nela dicindo: "Señor, ábrenos!", el responderá: "Non sei quen sodes". [26]Entón empezaredes a dicir: "Se nós comemos e bebemos contigo e ti ensinaches polas nosas rúas!". [27]El repetirá: "Non sei quen sodes. *Arredade de min os que practicades a inxustiza!*". [28]Daquela habedes chorar e hanvos renxer os dentes: cando vexades que Abraham, Isaac, Xacob e todos os profetas están no Reino de Deus, e que a vós vos botan para fóra. [29]E chegarán de oriente e occidente, do norte e do sur a sentar na mesa do Reino de Deus. [30]Si, hainos que son últimos e serán os primeiros, e hainos primeiros que serán os derradeiros.

**13**, 1 Este episodio é descoñecido polos autores pagáns; pero sábese de varios episodios sanguentos de Pilatos contra Xerusalén.
**13**, 7 *Tres anos...* Algúns esexetas cren que pode referirse ao tempo que durou o ministerio público de Xesús.
**13**, 15 Cf Mc **3**, 4.
**13**, 19 Dn **4**, 9. 18.
**13**, 27 Sal **6**, 9.
**13**, 29 A chegada de xente procedente dos catro puntos cardinais é unha referencia á universalidade: "xente vida de todas partes".
**13**, 30 Aquí a sentenza está máis matizada ca en Mt **19**, 30; **20**, 16 e Mc **10**, 31.

**Un aviso da morte**

31Naquel momento chegaron uns fariseos
para lle avisar:
–Veña, vaite de aquí, que Herodes te quere
matar.
32El respondeulles:
–Idelle dicir a ese raposo: "Eu hoxe e
mañá estou a botar os demoños fóra, e no
terceiro día xa acabo. 33Pero hoxe, mañá e
pasado mañá cómpre que siga para diante,
pois non é ben que un profeta morra fóra de
Xerusalén".

**Lamento sobre Xerusalén** (Mt **23**, 37-39)

34Xerusalén, Xerusalén, que asasinas os
profetas e apedras os que son mandados onda
ti! Cantas veces quixen aconchegar os teus fi-
llos, como a galiña aconchega os seus pitiños
baixo as ás e non quixeches! 35Pois mirade: a
vosa casa fica baleira e asegúrovos que non
me volveredes ver ata que exclamedes: "*Be-
nia o que vén no nome do Señor!*".

**Outra curación en sábado** (**6**, 6-11; Mt **12**,
9-14; Mc **3**, 1-6)

**14** 1Un sábado ía el comer, á casa dun
xefe dos fariseos; e eles vixiábano.
2Entón apareceu diante del un home hidrópi-
co. 3Xesús preguntoulles aos xuristas e fari-
seos:
–Está ou non está permitido curar no sá-
bado?
4Pero eles non abriron a boca. Xesús co-
lleu o enfermo, curouno e despediuno. 5E mi-
rando para eles, díxolles:
–Quen de vós, se un fillo ou un boi lle cae
nun pozo, non o saca do pozo no instante aín-
da que sexa sábado?
6A isto non lle souberon que contestar.

**Os convidados**

7Decatándose de que os convidados bus-
caban os primeiros postos, contoulles unha
parábola:
8–Cando alguén te convide a unha voda,
non te poñas no primeiro posto. Pode suce-
der que un máis distinguido ca ti tamén estea
convidado 9e que veña o que vos convidou
e che diga: "Déixalle o sitio a este"; e cheo
de vergonza teñas que ir para o derradeiro
lugar. 10Ao revés, ti, cando te conviden, pon-
te de último, para que cando chegue o que
te convidou che poida dicir: "Amigo, sube
máis arriba!". E quedarás moi ben diante de
todos os convidados. 11Porque a quen se ten
por moito, hano rebaixar e a quen se rebaixe
hano enaltecer.
12E díxolle tamén ao que o convidara:
–E ti, cando deas un xantar ou unha cea,
non chames os teus amigos, irmáns, paren-
tes ou veciños ricos; non sexa que eles te re-
compensen convidándote tamén a ti. 13Cando
deas un banquete, convida os pobres, eiva-
dos, coxos e cegos; 14e serás ditoso, porque
non te poden recompensar; pero xa se che
recompensará na resurrección dos xustos.

**Os convidados que non acoden** (Mt **22**,
1-10)

15Despois de escoitar todo isto, díxolle un
dos convidados:
–Ditoso o que coma pan no banquete do
Reino de Deus.
16El propúxolle:
–Dunha vez un home deu unha grande
cea e convidou a moitos. 17Así que chegou
a hora, mandou un criado para que avisase
aos convidados, dicíndolles: "Vide xa, que
está todo preparado". 18Pero todos empe-
zaron a escusarse. O primeiro dixo: "Mer-
quei unha leira e teño que ila ver; por favor,
descúlpame". 19Outro dixo: "Merquei cinco
parellas de bois, e teño que probalas; descúl-
pame, por favor". 20Outro dixo: "Acáboche
de casar e non podo ir". 21Volveu o criado
e contoulle todo isto ao amo. Entón o dono
da casa, todo indignado, mandoulle ao seu
criado: "Pois vai correndo ás prazas e rúas
da vila e tráeme para acá os pobres, eivados,
coxos e cegos". 22O criado díxolle: "Xa está
feito o que mandaches, e aínda hai sitio".
23Entón o amo mandoulle: "Vai polos cami-
ños e corredoiras e obriga á xente a entrar;
quero que se encha a miña casa, 24porque vos
aseguro que ningún dos convidados probará
a miña cea".

**O seguimento de Xesús** (Mt **10**, 37-38)

25Nunha ocasión que o seguía moita xente,
volveuse a eles e díxolles:

**13**, 32 *Raposo* pode significar "sen principios, inmoral", ou "sen importancia": un "ninguén de ningures" (coma o raposo comparado co león). *Hoxe e mañá* indica normalmente un tempo breve; pero neste caso non tan breve que non lle permita rematar a súa vida pública e entregar a vida en Xerusalén.

**13**, 35 Sal **118**, 26.

**14**, 15 A imaxe do *banquete* como signo do Reino é constante. O banquete é signo de bendición divina e de comuñón humana por excelencia.

**14**, 24 *Convidados*: referencia aos xudeus que rexeitaron a invitación.

[26]–Se alguén me quere seguir e non está
disposto a romper con seu pai e con súa nai,
coa muller e mais cos fillos, cos irmáns e
coas irmás, e incluso coa súa propia vida,
non pode ser discípulo meu. [27]O que non
carga coa súa cruz e me segue, non pode ser
discípulo meu. [28]Pois quen de vós, querendo
construír unha torre, non se para a pensar no
orzamento, a ver se a pode rematar? [29]Non
vaia ser que bote os alicerces e non a dea re-
matado e a xente que o vexa faga risa del,
dicindo: [30]"Este empezou a construír e non
deu rematado". [31]Ou que rei, que sae á guerra
contra outro, non se senta primeiro a cavi-
lar se lle chegarán dez mil homes para loitar
contra vinte mil? [32]E, se ve que non, cando
aínda o ten lonxe, mándalle unha embaixada,
pedindo condicións de paz. [33]Pois así, como
non renunciedes a todo o que tedes, non hai
de vós quen poida ser discípulo meu.

[34]Ben está o sal; pero se o mesmo sal se
volve insulso, con que se pode salgar? [35]Xa
non vale para nada: nin para a terra, nin para
a esterqueira; hai que tirar con el. Quen teña
oídos para oír, que escoite.

### A ovella perdida (Mt **18**, 12-14)

**15** [1]Tamén os publicanos e pecadores se
achegaban a el para o escoitaren. [2]Por
iso os fariseos e os letrados murmuraban:

–Este acolle os pecadores e come con eles.

[3]Entón Xesús contoulles esta parábola:

[4]–Quen de vós, se ten cen ovellas e perde
unha delas, non deixa as noventa e nove no
descampado, e vai en busca da perdida, a ver
se a atopa? [5]E cando a atopa, volve todo con-
tento [6]para a casa, con ela no lombo; e, cha-
mando por amigos e veciños, dilles: "Ale-
grádevos comigo, que atopei a ovella que
perdera!". [7]Pois asegúrovos unha cousa: no
ceo haberá máis alegría por un pecador que
se converta que por noventa e nove xustos
que non precisan conversión.

### A moeda perdida

[8]–E que muller que teña dez moedas e
perde unha, non acende a luz, e non varre a
casa, buscándoa con coidadiño ata atopala?
[9]E cando a atopa, chama polos amigos e ve-
ciños para lles dicir: "Alegrádevos comigo,
que atopei a moeda perdida". [10]Asegúrovos
que outro tanto se alegran os anxos por un só
pecador que se converta.

### O fillo estragador e o pai bo

[11]E dixo tamén:

–Un home tiña dous fillos. [12]O máis novo
díxolle ao pai: "Papá, dáme a parte da her-
danza que me corresponde". El repartiulles
os seus bens. [13]Días despois, este fillo recibiu
todo xunto e marchou para un país remoto,
onde malgastou a súa fortuna vivindo coma
un perdido. [14]Despois de gastalo todo, hou-
bo unha gran fame naquela terra, e empezou
a pasar necesidade. [15]Entón, acudindo a un
natural do país, entrou a servir, e mandou-
no a unha granxa a coidar os porcos. [16]Alí
chegou a ter gana de encher o estómago coas
landras que comían os porcos, pero ninguén
llas daba. [17]Recapacitando, pensou: "Hai
que ver! Cantos xornaleiros do meu pai te-
ñen pan a fartar, e eu morro coa fame. [18]Si,
vou volver á de meu pai e voulle dicir: Papá,
pequei contra o ceo e contra ti; [19]xa non son
digno de que me trates coma un fillo, trátame
coma un xornaleiro". [20]Levantouse e volveu
onda seu pai. Aínda estaba lonxe cando este,
enxergándoo, saíu emocionado a recibilo, e
botándoselle nos brazos, bicouno agarimo-
samente. [21]O fillo exclamou: "Papá, pequei
contra o ceo e contra ti, xa non son digno de
que me trates coma un fillo".

[22]Pero o pai díxolles aos seus criados:
"Axiña, sacade a túnica mellor e vestídella;
poñédelle un anel na man e calzado nos pés.
[23]Preparade un cuxo cebado para comelo e
facer unha gran festa. [24]Porque este fillo meu
estaba morto e volve á vida, estaba perdido e
atopámolo". E empezou a festa.

[25]Pero resulta que o fillo máis vello estaba
na leira e cando viña para casa, oíu a músi-
ca e mais o baile. [26]Chamou por un criado e
preguntoulle que pasaba. [27]O criado contes-
toulle: "Eche que volveu teu irmán, e teu pai

**14**, 26 Non está disposto a romper, ou acaso "non me prefire" ou "quéreme menos": tal é o significado de "odia", que di literalmente o texto.
**14**, 34 *O sal* é símbolo da fidelidade. Sen fidelidade non pode haber seguimento. Véxase a nota a Mc 9, 49.
**15**, 1 Estas tres parábolas, chamadas "da misericordia", están moi ben motivadas: Xesús quere explicar a razón de andar cos publicanos e pecadores, cousa que escandalizaba aos fariseos, que pensaban que o Reino era tan só para os que eles consideraban "bos".
**15**, 7 Ao transmitir esta parábola, Lc resalta a alegría que haberá no ceo, mentres Mt destacaba a preocupación dos pastores para que non se perdese "ningunha ovella". A alegría é unha realidade que aparece sempre no Evanxeo de Lc, desde o comezo ata o remate.
**15**, 20s *Volveu onda seu pai*. Converterse é "volverse un neno" (Mt **18**, 3), é aprender a dicir "Abbá", Papaíño, é regresar confiadamente aos brazos paternos. Cumpre ademais que se faga en plena reconciliación cos irmáns (Mt **5**, 23; Lc **17**, 4). Véxase a nota a **18**, 14.

mandou matar o cuxo cebado por recuperalo
san e salvo". 28Entón alporizouse moito, e
non quería entrar. Pero o pai, saíndo, inten-
touno convencer. 29El díxolle: "Tantos anos
como levo servíndote sen che faltar nunca
en nada, e nunca un cabrito me deches para
facer festa cos meus amigos; 30e agora resul-
ta que vén ese teu fillo, que queimou os teus
bens con mulleres de mala vida, e matas o
cuxo cebado". 31O pai contestoulle: "Meu
fillo, ti sempre estás comigo e todo o meu
é teu. 32Que menos que celebrar unha festa
cheos de alegría, xa que ese teu irmán estaba
morto e volve á vida, estaba perdido e ato-
pámolo?".

### Parábola do administrador infiel

**16** 1E díxolles tamén aos seus discípulos:
–Dunha vez había un home rico que
tiña un administrador, do que lle foron con-
tar que estaba a lle acabar cos bens. 2Chamou
por el e díxolle: "Que é iso que sinto falar
de ti? Dáme conta da túa administración, que
quedas despedido". 3O administrador púxose
a cavilar: "E agora que vou facer, que quedo
sen traballo? Cavar, non podo; e botarme a
pedir, dáme vergonza. 4Ben! Xa sei o que vou
facer para que cando me despidan haxa quen
me acolla na súa casa!". 5Vaise, e chama por
cada un dos debedores do seu amo e pregún-
talle ao primeiro: "Ti canto lle debes ao meu
amo?". 6El respondeulle: "Débolle cen bo-
cois de aceite". El díxolle: "Pois colle o teu
recibo e escribe axiña cincuenta". 7Despois
preguntoulle ao segundo: "Ti canto debes?".
Respondeulle: "Debo cen ferrados de trigo".
Díxolle el: "Pois colle o teu recibo e escribe
oitenta". 8O amo loou a aquel administrador
inxusto pola astucia con que actuara, pois
os fillos deste mundo son máis asisados nas
cousas deles ca os fillos da luz.

9Por iso eu avísovos: Facede amigos coas
riquezas inxustas, para que cando vos fal-
ten, vos acollan nas moradas eternas. 10Quen
é fiel no pouco, tamén será fiel no moito; e
quen é inxusto no pouco, tamén será inxusto
no moito. 11Pois, se coa riqueza inxusta non
sodes fieis, quen vos vai confiar a verdadei-
ra? 12E se no alleo nos sodes fieis, quen vos
vai confiar o voso? 13Ningún criado pode ser-
vir a dous amos, porque ou lle ten xenreira a
un e ama o outro; ou ben atende a un e me-
nospreza o outro. Non podedes servir a Deus
e mais o diñeiro.

14Oíndo estas cousas, os fariseos, que tan
amigos son dos cartos, facían risa del. 15El
díxolles:

–Vós, moita fachenda de perfectos; pero
Deus coñécevos por dentro; e o que loce ante
os homes é noxento para Deus.

### Outros consellos (Mt **11**, 12-13)

16A Lei e mais os Profetas chegaron ata
Xoán. Desde entón anúnciase o Reino de
Deus, e todos utilizan a forza para entrar
nel. 17Pero máis facilmente pasarán o ceo e
mais a terra do que caia un simple til da Lei.
18Todo o que repudia a súa muller e casa con
outra, comete adulterio; e o que casa cunha
repudiada polo seu marido, tamén comete
adulterio.

### O rico comellón e mais o pobre Lázaro

19Había un home rico que vestía roupa de
púrpura e liño fino, e que celebraba todos os
días espléndidos banquetes. 20Ao pé da súa
porta xacía un pobre, chamado Lázaro, todo
cuberto de chagas, 21que estaba desexando
matar a fame co que caía da mesa do rico; e
incluso os cans se achegaban a lle lamber as
chagas. 22Resulta que morreu o pobre, e le-
várono os anxos ao seo de Abraham. Morreu
tamén o rico, e enterrárono. 23Estando no
lugar dos mortos, no medio dos tormentos,
erguendo os ollos viu a Abraham e mais a
Lázaro no seu seo. 24Entón suplicoulle dicin-
do: "Ai, pai Abraham!, ten dó de min; mán-
dame a Lázaro para que molle o seu dedo
na auga e refresque a miña lingua, porque
me atormenta o lume". 25Pero Abraham con-
testoulle: "Fillo, recorda que ti recibiches
bens na túa vida, mentres Lázaro recibiu
males; agora el recibe consolo e ti tormen-
to. 26Ademais, entre nós e vós hai un abismo
insalvable, de xeito que desde aquí non se
pode pasar onda vós, nin desde aí se pode vir
onda nós". 27Entón el insistiu: "Suplícoche,
pai Abraham, que o mandes a casa do meu
pai, 28onde teño cinco irmáns, para que lles
fale claramente e non veñan dar a este lugar

**15**, 28 Sorprende a actitude farisaica do irmán "bo", que carece de disposición para o perdón e para a reconciliación. Tal era a actitude dos escribas e fariseos (vv. 1-2).
**16**, 9 Segundo o contexto de Lc, as riquezas todas son inxustas, "enganosas". O menos que se pode facer con elas é aproveitalas facendo o ben, e repartilas (**12**, 33).
**16**, 15 As actitudes farisaicas que Xesús critica, son o intento de crecer e situarse ben, a hipocrisía e maila autosuficiencia (cf **18**, 10-14).
**16**, 16 Véxase a nota a Mt **11**, 12, tendo en conta que Lc suaviza a expresión máis ca Mt.

de tormentos”. [29]Pero Abraham respondeulle: “Xa teñen a Moisés e os Profetas, que lles fagan caso a eles”. [30]El volveu a insistir: “Pero non llelo van facer, pai Abraham, non; mais se un morto vai onda eles, seguro que se converterán”. [31]Pero Abraham replicoulle: “Se a Moisés e mais aos Profetas non lles fan caso, tampouco llo farán nin a un morto resucitado”.

**Recomendacións aos discípulos** (Mt **18**, 6-7. 21-22; Mc **9**, 42; **11**, 22-23)

**17** [1]Díxolles aos seus discípulos:
–É irremediable que haxa escándalos; pero ai de quen os provoca! [2]Máis lle valía que lle colgasen unha pedra de muíño no pescozo e que o largasen ao mar antes que escandalizar a un destes pequeniños. [3]Andade con coidado. Se o teu irmán che fai mal, repréndeo; se se arrepinte, perdóao. [4]E se te ofende sete veces no día e sete veces volve a ti dicindo: “Síntoo moito”; perdóao.

[5]Rogáronlle os apóstolos ao Señor:
–Auméntanos a fe!

[6]O Señor respondeulles:
–Se tivésedes polo menos unha fe coma un gran de mostaza, diriádeslle a esta moreira: “Arríncate e plántate no mar!”, e seguro que vos obedecía. [7]E quen de vós que teña un criado arando ou pastoreando, lle di cando chega da veiga: “Entra axiña e ponte á mesa?”. [8]Non lle dirá máis ben: “Prepara a cea, viste a roupa de traballo e ponme a comida; e cando eu remate de comer e beber, comerás e beberás ti?”. [9]Ou é que aínda lle vai ter que estar agradecido ao criado por facer o que lle manda? [10]Así tamén vós, cando fagades todo o que se vos mande, dicide: “Somos simples servidores: total, non fixemos máis do que tiñamos que facer”.

**Curación dos dez gafos**

[11]Indo camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaria e Galilea, [12]ao entrar nunha aldea, saíronlle ao paso dez gafos. Pararon ao lonxe, [13]e dando voces suplicáronlle:
–Xesús, Mestre, ten dó de nós!

[14]El, ao velos, díxolles:
–Ídevos presentar aos sacerdotes.

E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. [15]E un deles, ao se decatar de que estaba curado, volveu loando a Deus con grandes voces. [16]E prostrándose, rostro en terra, aos pés de Xesús, deulle as grazas. Era un samaritano. [17]Xesús dixo:
–Non foron dez os que quedaron limpos? Onde están os outros nove? [18]Ninguén, fóra dun estranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus?

[19]E engadiu:
–Érguete e vaite! Salvoute a túa fe.

**A chegada do Reino de Deus** (Mt **24**, 23-28. 37-41)

[20]Preguntado polos fariseos cando chegaría o Reino de Deus, respondeulles:
–O Reino de Deus chegará sen deixarse sentir. [21]De tal xeito, que non se dirá: “Velaquí”, ou “velaí está”; porque a verdade é que o Reino de Deus xa está dentro de vós.

[22]E díxolles aos seus discípulos:
–Virán tempos nos que anhelaredes pasar un só día co Fillo do Home e non poderedes. [23]E diranvos: “Mirádeo aí”, ou “aquí”; pero vós non vaiades nin corrades detrás. [24]Porque tal coma o lóstrego brilla refulxente desde un extremo a outro do ceo, así será o Fillo do Home no seu día. [25]Pero antes é preciso que padeza moito e que esta xeración o rexeite. [26]O que pasou no tempo de Noé pasará tamén no tempo do Fillo do Home. [27]Comían e bebían e casaban eles e elas, ata o día no que *Noé entrou na arca*; logo *veu o diluvio* e acabou con todos. [28]O mesmo pasou no tempo de Lot: comían, bebían, mercaban, vendían, plantaban, construían. [29]Pero cando saíu Lot de Sodoma, *choveu lume e xofre do ceo*, e acabou con todos. [30]O mesmo pasará cando se manifeste o Fillo do Home. [31]Aquel día, o que estea na azotea e teña as cousas dentro da casa, que non baixe por elas; e o que estea na leira, que tampouco non volva atrás. [32]Que vos acorde o caso da muller de Lot. [33]Quen intente salvar a súa vida perderaa; e quen a perda salvaraa. [34]Asegúrovolo: nesa noite estarán dous nunha mesma cama: levarán a un e deixarán a outro. [35]Estarán dúas moendo xuntas; levarán a unha e deixarán a outra.

**16**, 29 A Moisés e os Profetas. Non se trata dos devanditos personaxes, senón dos dous primeiros bloques de libros sagrados, dos tres que ten o A. T. (cf Introd. á Biblia, 4).
**17**, 17 Unha vez máis é Lc o único evanxelista que recolle as loanzas que dalgúns marxinados fai Xesús (cf **10**, 33ss).
**17**, 21 “Dentro de vós”, “entre vós” ou “ao alcance da vosa man”. Aínda que non plenamente por iso se adoita dicir: “Xa, pero aínda non de todo”, o Reino “está entre vós”. A presenza de Xesús e mais a súa acción salvífica é signo da presenza do Reino de Deus. Véxase a nota a Mt **4**, 17.
**17**, 26 A chegada do Fillo do Home no día final está descrita con imaxes da literatura apocalíptica, moi de moda daquela, e que se desenvolve en diversos planos.
**17**, 27 Xén **7**, 7.
**17**, 35 Algúns engaden o v. 36, tomado de Mt **24**, 40: “estarán dous homes no agro; levarán a un e deixarán o outro”.

37Eles preguntáronlle:
–Onde Señor?
Respondeulles:
–Onde estea o cadáver xuntaranse os voitres.

**O xuíz e mais a viúva**

**18** 1Propúxolles tamén unha parábola acerca da necesidade de orar sempre, sen cansar:
2–Había nunha vila un xuíz que nin temía a Deus nin respectaba o home. 3Na mesma vila había tamén unha viúva, que acudía a el dicíndolle: "Faime xustiza fronte ao meu contrario". 4El durante moito tempo non lle fixo caso ningún; pero despois cavilou: "Aínda que non temo a Deus nin respecto ao home, 5como esta viúva me está amolando, voulle facer xustiza, para que non me siga toleando toda a vida".
6E o Señor continuou:
–Escoitade o que di un xuíz inxusto. 7E logo Deus non lles vai *facer xustiza* aos seus elixidos, *que claman* por El día e noite, *e non vai ter paciencia con eles*? 8Asegúrovos que lles fará xustiza a tempo. Pero cando chegue o Fillo do Home, atopará fe sobre a terra?

**O fariseo e mais o recadador de impostos**

9Propuxo tamén esa parábola dirixíndose a uns que estaban moi seguros de si mesmos, créndose perfectos e desprezando os demais:
10–Dous homes subiron ao templo a orar: un era fariseo e outro recadador de impostos. 11O fariseo, de pé, oraba para os seus adentros deste xeito: "Meu Deus, douche grazas porque non son coma os demais: ladrón, inxusto e adúltero; nin coma ese recadador. 12Gardo o xaxún dúas veces por semana e pago o décimo de todo canto gaño". 13O recadador, en troques, manténdose a distancia, non se atrevía nin a levantar os ollos ao ceo, senón que petando no peito dicía: "Meu Deus, ten compaixón de min, que son un pecador!". 14Asegúrovos que este baixou reconciliado con Deus para a súa casa e, en cambio, o outro non. Porque a todo o que se teña por moito rebaixarano e a todo o que se rebaixe enaltecerano.

**Xesús e os nenos** (Mt **19**, 13-15; Mc **10**, 13-16)

15E levábanlle tamén os meniños para que os tocase. Pero os discípulos rifábanlles. 16Entón Xesús chamounos e dixo:
–Deixade que os nenos se acheguen a min: non llelo privedes, porque dos que son coma eles é o Reino de Deus. 17Asegúrovos que aquel que non reciba coma un neno o Reino de Deus, non entrará nel.

**O rico** (Mt **19**, 16-22; Mc **10**, 17-22)

18Un home importante preguntoulle:
–Mestre bo, que teño que facer para acadar a vida eterna?
19El contestoulle:
–E por que me chamas bo? Ninguén é bo fóra de Deus. 20Xa sabes os mandamentos: *Non cometas adulterio, non mates, non roubes, non deas falso testemuño, honra a teu pai e mais a túa nai*.
21El respondeu:
–Todas esas cousas gardeinas desde a miña mocidade.
22Oíndo aquilo Xesús díxolle:
–Aínda che queda algo: Vende todo canto tes e repárteo entre os pobres, e terás un tesouro no ceo; e despois ven e sígueme.
23Ao que oíu estas cousas, o home aquel quedou moi apesarado, porque era moi rico.

**O perigo das riquezas** (Mt **19**, 23-30; Mc **10**, 23-31)

24Xesús, ao velo así, comentou:
–Que difícil lles vai ser aos ricos entrar no Reino de Deus! 25É máis fácil para un camelo entrar polo ollo dunha agulla, que para un rico entrar no Reino de Deus.
26Todos os que o escoitaban comentaron:
–Daquela quen se vai poder salvar?
27Pero el dixo:

**18**, 7 "O grito do pobre traspón as nubes..., non cede ata que Deus o atende e que o xuíz veraz faga xustiza" (Eclo **35**, 21).Tendo en conta que a xustiza de Deus é salvación para quen confía nel, non hai dubida de que o Señor esperará sen perder a paciencia.
**18**, 8 A pregunta coa que remata esta parábola, sobre se na volta gloriosa do Mesías manterán os homes a fe e maila confianza no Señor, é mais que nada unha exhortación a vivir vixiantes.
**18**, 12 Aínda que os xudeus tiñan a obriga de xaxuar soamente unha vez ao ano (o Día da Expiación), os fariseos facíano dúas veces na semana.
**18**, 14 O exame farisaico é legalista e casuístico. A persoa que verdadeiramente ten fame de conversión, vai máis ao fondo, e, aínda cumprindo a legalidade, séntese incapaz de ser plenamente fiel a Deus e ás demais persoas. Desta incapacidade xorde a verdadeira conversión, que pide co salmista: "Renóvame por dentro" (Sal **51**, 12). Por iso, o verdadeiramente convertido non é autosuficiente e pide axuda. Logo, facéndose neno (Mt **18**, 13), confía no Pai, regresando aos seus brazos (Mt **15**, 20).
**18**, 16 Véxase a nota a Mt **18**, 2.
**18**, 18 *Un home importante:* lit. "un xefe". Mt **19**, 20 preséntao coma un mozo.
**18**, 20 Éx **20**, 12-16; Dt **5**, 16-20.
**18**, 27 Cf Zac **8**, 6.

–O que *para os homes é imposible, é posible para Deus*.
28Entón díxolle Pedro:
–Pois nós, deixámolo todo, e seguímoste.
29Xesús respondeulle:
–Tede por seguro que ninguén que deixa casa ou muller ou irmáns ou pais ou fillos polo Reino de Deus, 30non pasará sen recibir agora cen veces máis, e no futuro a vida eterna.

**Anuncia por terceira vez a súa morte** (Mt **20**, 17-19; Mc **10**, 32-34)

31E levando á parte os Doce, díxolles:
–Ollade que subimos a Xerusalén, e vaise cumprir todo o que está escrito polos profetas acerca do Fillo do Home. 32Vano entregar aos pagáns, burlaranse del, aldraxarano e cuspirán nel, 33azoutarano e matarano. Pero ao terceiro día resucitará.
34Pero eles non entenderon nada disto. Resultábanlle enigmáticas estas palabras e non comprenderon o que lles quería dicir.

**O cego de Iericó** (Mt **20**, 29-34; Mc **10**, 46-52)

35Cando chegaba a Iericó, un cego estaba a pedir sentado á beira do camiño. 36Oíndo o barullo da xente que pasaba, preguntou que era aquilo. 37Dixéronlle que era Xesús de Nazaré, que pasaba por alí. 38El exclamou:
–Xesús, Fillo de David, ten mágoa de min!
39Os que ían diante empezaron a rifarlle para que calase, pero el aínda berraba máis alto:
–Fillo de David, ten mágoa de min!
40Deténdose Xesús, mandou que llo levasen. Cando se achegou, preguntoulle:
41–Que é o que queres que che faga?
El respondeu:
–Señor, que volva ver.
42Xesús díxolle:
–Recobra a vista: salvoute a túa fe!
43E no instante recobrou a vista, e foise detrás del, glorificando a Deus. E todo o pobo, vendo aquilo, tamén loaba a Deus.

**Zaqueo**

**19** 1Chegou Xesús a Iericó e pasaba atravesando a cidade. 2Había alí un home chamado Zaqueo, xefe dos recadadores e moi rico. 3Intentaba ver quen era Xesús; pero impedíallo a xente, porque el era pequeneiro. 4Entón botou a correr e subiu a un sicómoro para velo, porque ía pasar por alí. 5Ao pasar Xesús por aquel lugar, levantou a vista e díxolle:
–Zaqueo, baixa decontado, que hoxe teño que parar na túa casa!
6El, baixando decontado, acolleuno moi contento. 7Pero vendo aquilo, a xente empezou a murmurar:
–Entrou a hospedarse na casa dun pecador.
8Zaqueo, posto de pé, díxolle ao Señor:
–Señor, darei a metade de todo canto teño aos pobres e, se algo roubei a alguén, devolvereille catro veces máis.
9Entón Xesús dixo:
–Hoxe chegou a salvación a esta casa, pois tamén este é fillo de Abraham. 10Porque o Fillo do Home vén buscar e salvar o que estaba perdido.

**Parábola das onzas** (Mt **25**, 14-30)

11Estando a xente escoitando estas cousas, engadiu unha parábola, por estar cerca de Xerusalén e por pensar a xente que o Reino de Deus ía aparecer decontado. 12Dixo:
–Un home nobre marchou a un país distante, a que o coroasen rei, e volver despois. 13Chamou logo por dez dos seus criados, repartiulles dez onzas, e encargoulles: "Negociade ata que volva". 14Pero os seus súbditos, que o odiaban, mandaron tras el unha embaixada, dicindo: "Non queremos que este sexa o noso rei". 15Cando volveu, xa coroado como rei, mandou chamar polos criados aqueles, aos que lles dera as onzas, para saber canto gañara cada un. 16Presentouse o primeiro, dicindo: "Señor, a túa onza produciu outras dez". 17El contestoulle: "Ben, criado cumpridor: xa que fuches fiel en cousa pe-

**18**, 34 *Non entenderon nada...*, sinal de que os discípulos, coma a gran maioría dos xudeus, esperaban un Mesías restaurador do Reino de Israel, e non lles encaixaba coa imaxe do Mesías sufrinte: cf **24**, 21.
**19**, 9 *A salvación* chegou á casa de Zaqueo, polo seu encontro con Xesús. A conversión de Zaqueo atopou unha expresión adecuada na práctica da xustiza e do amor (cf Éx **22**, 1; Mc **12**, 33; 1 Xn **4**, 20).
**19**, 10 Cf Ez **34**, 16.
**19**, 13 *Onzas* en grego "mnâs": moedas de ouro, equivalente cada unha en torno a 100 dracmas. En Mt a cantidade, en "talentos", é moi superior. Comparando con Mt, vese que Lc combina aquí dúas parábolas: unha a das onzas, outra a da adquisición dun reino (que, baseándose na historia de Arquelao, alude á vinda de Xesús como xuíz, para pedirlle contas aos que non o aceptaron como Mesías).
A redacción de Mt reflicte, neste caso, un estadio máis primitivo ca a de Lc.

quena, serás rexedor de dez cidades”. 18Chegou o segundo dicindo: “A túa onza, Señor, produciu outras cinco”. 19Contestoulle tamén a este: “Ti tamén serás rexedor de cinco cidades”. 20E chegou outro, dicindo: “Señor, aquí tes a túa onza; tíñaa gardada nun pano, 21pois sabía que eras home esixente, que colles o que non pos e seituras o que non sementas”. 22El contestoulle: “As túas palabras condénante, criado inútil. Así que ti sabías que son home esixente, que collo o que non poño, e sego o que non semento. 23Pois logo por que non deixaches nun banco os meus cartos? Así, ao chegar, eu podía recoller os réditos”. 24E díxolles aos presentes: “Quitádelle a onza e dádella ao que ten dez!”. 25Eles replicaron: “Señor, se ese xa ten dez onzas!”. El seguiu: 26“Asegúrovos que a todo o que ten, háselle dar; pero ao que non ten, aínda o que ten se lle ha quitar. 27E a todos eses meus inimigos, que non me querían por rei, traédeos aquí, e degoládeos na miña presenza”.

28E dito isto, botou a andar diante deles camiño de Xerusalén.

## XESÚS EN XERUSALÉN

**Entrada triunfal en Xerusalén** (Mt **21**, 1-11; Mc **11**, 1-11; Xn **12**, 12-19)

29E cando se aproximaban a Betfagué e a Betania, ao pé do chamado monte das Oliveiras, mandou dous discípulos, 30dicíndolles:

–Ide á aldea que tedes aí diante, e atoparedes atado un burriño que aínda nunca ninguén montou. Soltádeo e traédeo. 31E se alguén vos pregunta: “Por que o soltades?”, respondédelle: “Precísao o Señor”.

32Foron os discípulos, e atoparon todo tal como lles dixera. 33E cando ceibaron o burriño, preguntáronlles os donos:

–Por que soltades o burriño?

34Eles contestaron:

–Precísao o Señor.

35Leváronо onda Xesús, botaron os mantos sobre o burriño e axudárono a montar. 36E ao pasar el, a xente estendía os mantos polo camiño. 37Cando se aproximaban á baixada do monte das Oliveiras, a multitude de discípulos, cheos de alegría, comezaron a loar a Deus con grandes gritos, por todas as marabillas que tiñan visto. 38Dicían:

–*Benia o que vén, como rei, no nome do Señor*. Paz no ceo e gloria no máis alto!

39Algúns dos fariseos que estaban entre a xente, dixéronlle:

–Mestre, reprende a eses teus discípulos.

40Pero el respondeulles:

–Asegúrovos que se estes calan, falarán as pedras.

**Laio sobre Xerusalén** (**21**, 6; Mt **24**, 2; Mc **13**, 2)

41E ao enxergaren a cidade, chorou sobre ela 42dicindo:

–Ai, se ti tamén coñeceses neste día o que che podía traer paz! Pero os teus ollos non o dan visto. 43E virán días nos que os teus inimigos te rodearán de trincheiras; asediarante, e apertarante por todas partes. 44Esnaquizarante contra o chan a ti e mais os teus fillos. Non che deixarán pedra sobre pedra, por non recoñecer a oportunidade de cando te visitaron.

**Xesús bota os tendeiros fóra do templo** (Mt **21**, 12-17; Mc **11**, 15-19; Xn **2**, 13-22)

45Despois entrou no templo, e empezou a botar fóra os tendeiros, 46dicíndolles:

–Está escrito: *A miña casa ha ser casa de oración*; pero vós convertéstela *en cova de bandidos*.

47Ensinaba todos os días no templo. Daquela xa os sumos sacerdotes, os letrados e mais os notables do pobo buscaban o xeito de acabaren con el. 48Pero non atopaban como, porque todo o pobo estaba moi atento ao que el dicía.

**19**, 26 Cf Lc **8**, 18.
**19**, 38 Sal **118**, 25-26.
**19**, 44 Cf Sal **137**, 9.
**19**, 45 Este acontecemento, mentres Xn o pon nos comezos da vida pública de Xesús, os sinópticos colócano na Semana Santa: Lc no domingo e Mc no luns. Os sinópticos non poden facer doutro xeito, pois presentan a Xesús en Xerusalén soamente ao remate da súa vida. De todos modos, é un feito moi importante, que enfrontaba a Xesús co Templo e que ía ter fatais consecuencias no seu proceso relixioso.
**19**, 46 Is **56**, 7; Xer **7**, 11.

**A autoridade de Xesús** (Mt **21**, 23-27; Mc **11**, 27-33)

**20** [1]Estando naqueles días ensinando ao pobo e anunciando a Boa Nova no templo, presentáronse os sumos sacerdotes, os letrados e mais os anciáns, [2]e preguntáronlle:

–Con que autoridade fas estas cousas? Quen che deu tal autoridade?

[3]El respondeulles:

–Vouvos facer tamén eu unha pregunta. A ver, contestade: [4]O bautismo de Xoán era cousa de Deus ou dos homes?

[5]Eles matinaban: "Se lle respondemos que de Deus, vainos preguntar: E daquela por que non lle fixestes caso? [6]Pero se lle respondemos que dos homes, a xente toda vainos correr a pedradas, porque está convencida de que Xoán era un profeta". [7]E acabáronlle dicindo que non o sabían.

[8]Xesús replicoulles:

–Pois eu tampouco non vos vou dicir con que autoridade fago estas cousas.

**Parábola da viña** (Mt **21**, 33-46; Mc **12**, 1-12)

[9]Entón púxose a contarlle á xente esta parábola:

–Un home *plantou unha viña*, arrendóullela a uns viñateiros e marchou para lonxe. [10]No seu tempo mandou un criado para cobrarlles as rendas da viña. Pero os viñateiros zorregáronlle duro e despedírono coas mans baleiras. [11]Volveulles mandar outro criado; pero eles mallaron nel, aldraxárono e despedírono coas mans baleiras. [12]E volveulles mandar aínda un terceiro; pero eles tamén o malferiron e expulsaron. [13]Entón dixo o dono da viña: "Que farei? Voulles mandar o meu fillo benquerido: seguro que o respectan". [14]Ao velo, os viñateiros comprometéronse uns cos outros entre si: "Este é o herdeiro; matámolo, e a herdanza é para nós". [15]E botárono fóra da viña e matárono. Que fará o dono da viña? [16]Volverá, acabará con estes viñateiros, e daralle a viña a outros.

Ao oíren isto exclamaron:

–Non pode ser!

[17]Pero el, mirándoos fixamente, díxolles:

–Que significa, logo, o que di a Escritura: *A pedra que desbotaron os canteiros é agora o esquinal*? [18]Todo o que caia enriba desa pedra, esnaquizarase; pero aquel enriba do que ela caia, quedará esmagado.

[19]Decatándose de que ía por eles a parábola, os letrados e mais os sumos sacerdotes quixeron botarlle as mans naquel mesmo momento; pero tivéronlle medo á xente.

**O tributo ao César** (Mt **22**, 15-22; Mc **12**, 13-17)

[20]Entón puxéronse á espreita e mandáronlle uns espías, que finxían hipocritamente seren boa xente, para ver se o pillaban nalgún delito, e así podéreno entregar á xurisdición do gobernador. [21]Daquela dixéronlle:

–Mestre, sabemos que falas e ensinas rectamente, e non xulgas polas aparencias, senón que mostras o camiño verdadeiro de Deus. [22]Está permitido pagar o tributo ao César ou non?

[23]El coñeceulles a mala intención e contestoulles:

[24]–Mostrádeme un denario. De quen é esta imaxe e esta inscrición?

Contestáronlle:

–É do César.

[25]Xesús replicoulles:

–Pois logo dádelle o do César ao César; e o de Deus, a Deus!

[26]Non puideron pillalo en ningún dito diante do pobo, e, pasmados da súa resposta, quedaron caladiños.

**Acerca da resurrección** (Mt **22**, 23-33; Mc **12**, 18-27)

[27]Chegaron algúns saduceos –eses que negan que haxa resurrección– e preguntáronlle:

[28]–Mestre, Moisés deixou escrito: "Se lle *morre* a alguén seu irmán *sen deixar fillos, que case coa viúva de seu irmán, para lle dar descendencia*". [29]Pois dunha vez había sete irmáns. O primeiro casou, e morreu sen fillos. [30]Despois casou con ela o segundo; [31]e logo o terceiro; e así os sete foron casando coa viúva, morrendo tamén sen deixar fillos. [32]Ao cabo, morreu tamén a muller. [33]Agora, cando resuciten, de cal deles vai ser a muller, se estivo casada cos sete?

[34]Xesús contestoulles:

–Neste mundo os homes e mais as mulleres casan entre eles. [35]Pero os que sexan dignos da vida futura e da resurrección de entre os mortos, non casarán nin eles nin elas, [36]pois non poden morrer. Son coma anxos, e son fillos de Deus por naceren na resurrección. [37]E que resucitan os mortos, ben o deixou indicado Moisés, cando dixo do Se-

**20**, 9 Cf Is **5**, 2.
**20**, 14 Referencia clara ao propio Xesús, rexeitado polos xudeus.
**20**, 17 Sal **118**, 22.
**20**, 28 Dt **25**, 5.
**20**, 37 Éx **3**, 6.

ñor, no episodio da silveira: *O Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob*.
38E Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.
39E nisto algúns dos letrados dixéronlle:
–Ben falado, Mestre.
40Pois xa non se atrevían a preguntarlle máis nada.

**O fillo de David** (Mt **22**, 41-46; Mc **12**, 35-37)

41Preguntoulles Xesús:
–Como din que o Mesías é fillo de David?
42O mesmo David di no libro dos Salmos:
*Díxolle o Señor ao meu Señor:*
*séntate á miña dereita,*
43*que vou poñer os teus inimigos*
*coma estrado dos teus pés*.
44Ora ben, se David o chama Señor, como vai ser seu fillo?

**Denuncia dos letrados** (**11**, 37-54; Mt **23**, 1-36; Mc **12**, 38-40)

45E diante de toda a xente, díxolles aos seus discípulos:
46–Coidado cos letrados! Gustan moito de pasearen ben traxados, e de que lles fagan reverencias polas rúas; buscan os primeiros postos nas sinagogas e mais nos banquetes.
47E acábanlles cos bens ás viúvas, co pretexto de faceren longos rezos. Pero hanos xulgar co máis severo castigo.

**Xenerosidade da viúva** (Mc **12**, 41-44)

**21** 1Ergueu a vista e viu uns ricos que botaban os seus donativos na boeta do tesouro. 2E viu tamén unha viúva moi pobre, que botaba unha miseria. 3Entón dixo:
–Asegúrovos unha cousa: esta pobre viúva botou máis ca todos. 4Porque todos estes botaron do que lles sobra, pero ela na súa pobreza botou canto tiña para vivir.

**Destrución do templo e signos de Xuízo** (Mt **24**, 1-3; **10**, 17-22; Mc **13**, 1-13)

5Comentaban algúns a fermosa cantería con que estaba construído o templo, e os exvotos que o adornaban. Pero el díxolles:
6–Todo isto que estades a contemplar, días virán nos que o derrubarán ata que non quede pedra sobre pedra.
7Eles preguntáronlle:
–Mestre, dinos, cando van pasar estas cousas; cal será o signo de que van acontecer.
8El empezoulles a dicir:
–Estade atentos, para non vos extraviar. Porque han vir moitos no meu nome, dicindo: "Son eu" e "está a chegar o momento", pero non os sigades. 9Cando oiades falar de guerras e desordes, non vos asustedes; que iso ten certamente que acontecer primeiro, pero aínda non será a fin.
10Entón díxolles:
–Erguerase pobo contra pobo, reino contra reino; 11haberá grandes terremotos, pestes e fames en diversos lugares; cousas espantosas, e grandes sinais no ceo. 12Pero antes de todo isto botaranse sobre vós, perseguíndovos: levaranvos ás sinagogas e á cadea, ante reis e gobernadores por causa miña: 13así teredes a oportunidade de dar testemuño. 14Metede ben na cabeza que non tedes que preocuparvos pola vosa defensa, 15que eu vos darei unha elocuencia e mais unha sabedoría que non poderán resistir nin replicar os vosos adversarios. 16Entregaranvos os vosos mesmos pais, irmáns, parentes e amigos. Mataranvos a algúns de vós, 17e todos vos aborrecerán por causa miña, 18e mais non perderedes nin un pelo da vosa cabeza. 19Coa vosa perseveranza, salvaredes as vosas vidas.

**A destrución de Xerusalén** (Mt **24**, 15-21; Mc **13**, 14-19)

20Cando vexades a Xerusalén cercada polos exércitos, sabede que está a chegar a súa destrución. 21Entón os que estean en Xudea, que fuxan para os montes; os que estean na vila, que se afasten; e os que estean no campo, que non entren na vila, 22porque estes son días de escarmento, nos que se cumprirá canto está escrito. 23Ai das que estean embarazadas ou criando naqueles días! Porque

**20**, 42s Sal **110**, 1.
**20**, 44 *Fillo de David*, de seu, quere dicir descendente de David. Pero nos salmos mesiánicos a expresión "Fillo de David" acada unha tal superioridade respecto a David, que os xudeus non a souberon nunca explicar.
**20**, 46 Cando pasaba un letrado (escriba) tíñanse que erguer e reverencialo os que non estivesen traballando. Ademais, os escribas tiñan un posto de preferencia nos actos públicos.
**21**, 2 *Unha miseria*: lit. "dous leptóns": moedas pequenas de bronce, como se noutros tempos dixéramos "dous patacóns".
**21**, 6 Véxase nota a Mt **24**, 2.
**21**, 9 Todas estas advertencias sobre as persecucións que os cristiáns estaban a padecer no tempo en que se escribiu o Evanxeo, e que Mt coloca no discurso da "Misión" (**10**, 17-21), non parecen ter relación coa fin do mundo, se non con persecucións moi duras.
**21**, 20 Efectivamente Tito asediou e destruíu parte de Xerusalén no ano 70, algúns lustros despois da morte de Cristo (cf nota a Mt **24**, 2). O Evanxeo de Lc escribiuse aínda máis tarde.
**21**, 22 Cf Dt **32**, 35; Xer **25**, 13.

haberá unha gran calamidade no país, e un terrible xuízo para este pobo. [24]Caerán baixo a espada, levaranos presos a todos os países do mundo, e os pagáns esmagarán os pés a Xerusalén, ata que se lles cumpra tamén o tempo aos pagáns.

**A chegada do Fillo do Home** (Mt **24**, 29-31; Mc **13**, 24-27)

[25]Haberá sinais no sol, na lúa e nas estrelas; e na terra, as nacións tremerán coa angustia ante o bruar do mar e das ondas; [26]os homes morrerán cheos de medo e de desacougo, polo que virá enriba do mundo, pois mesmo os astros abalarán. [27]Entón verán o *Fillo do Home vir sobre unha nube* con gran poder e gloria. [28]Pero cando empece a suceder todo isto, poñédevos de pé e erguede ben a cabeza, porque chega o día da vosa liberación.

**O exemplo da figueira** (Mt **24**, 32-35; Mc **13**, 28-31)

[29]E púxolles esta comparación:

–Reparade na figueira e nas demais árbores: [30]cando as vedes agromar, sabedes por vós mesmos que está vindo o verán. [31]Pois vós igual: cando vexades que pasan estas cousas, caede na conta de que xa está preto o Reino de Deus. [32]Asegúrovos que non pasará está xeración sen que antes aconteza todo isto. [33]O ceo e mais a terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán.

**Hai que estar atentos**

[34]Tede conta de vós mesmos; non sexa que vos atordedes na borracheira, na libertinaxe e nas preocupacións da vida, e de súpeto caia sobre vós aquel día; [35]porque caerá coma un lazo sobre todos os que habitan a terra. [36]Vós vixiade sempre, e pregade para que poidades escapar de todo o que está por vir, e comparecer así seguros diante do Fillo do Home.

[37]Pasaba os días ensinando no templo; polas noites saía, e pasábaas no monte chamado das Oliveiras. [38]E todo o pobo madrugaba para ir onda el ao templo, a escoitalo.

## A PAIXÓN

**Complot contra Xesús** (Mt **26**, 1-5. 14-16; Mc **14**, 1-2. 10-11; Xn **11**, 45-53)

**22** [1]Aproximábase a festa dos Ácimos, chamada tamén a Pascua. [2]Os sumos sacerdotes e mais os letrados andaban buscando como quitalo do medio, porque lle tiñan medo á xente. [3]Nisto Satanás apoderouse de Xudas, chamado o Iscariote, que formaba parte dos Doce, [4]e foi falar cos sumos sacerdotes e cos oficiais da garda sobre o xeito de entregalo. [5]Eles alegráronse, e acordaron darlle cartos. [6]El aceptou, e andaba vendo a ocasión de entregárllelo sen que a xente se decatase.

**Preparación da Pascua** (Mt **26**, 17-19; Mc **14**, 12-16)

[7]Chegou o día dos Ácimos, e había que inmolar o año pascual. [8]Mandou a Pedro e a Xoán, dicíndolles:

–Ide preparar a cea pascual.

[9]Eles preguntaron:

–Onde queres que a preparemos?

[10]El respondeu:

–Mirade, cando entredes na cidade, havos saír ao paso un home, levando unha ola de auga. Seguídeo ata a casa onde entre, [11]e dicídelle ao dono da casa: "O Mestre mándanos preguntar, onde está o lugar no que poida comer a Pascua cos meus discípulos?". [12]El havos mostrar no sobrado unha sala grande, xa disposta: facede alí os preparativos.

[13]Foron eles, atoparon todo tal como lles dixera, e prepararon a Pascua.

**A Eucaristía** (Mt **26**, 26-30; Mc **14**, 22-26; 1 Cor **11**, 23-25)

[14]Cando chegou a hora, púxose á mesa cos seus apóstolos. [15]Díxolles:

–Moito levo desexado comer esta Pascua convosco antes de eu padecer! [16]Porque vos digo que xa non a volverei comer ata que chegue o seu cumprimento no Reino de Deus.

[17]E collendo unha copa, deu grazas e dixo:

**21**, 24 Lc fala de "kairoi", de épocas ou tempos históricos limitados: coa caída de Xerusalén (descrita con palabras de Zac **12**, 3) acaba o tempo dos xudeus e empeza o dos xentís; pero tamén o tempo dos xentís terá a súa fin.
**21**, 25 ... *Sinais no sol, na lúa e nas estrelas...*: típico estilo apocalíptico, moi de moda nos tempos de Xesús (cf Mt **24**, 3ss e nota).
**21**, 26 *Os astros*: lit. "os poderes do ceo".
**21**, 27 Dn 7, 13-14.
**21**, 29 Véxase nota a Mt **24**, 45.
**22**, 1 Sobre a festa dos Ácimos e mais a Pascua, véxase nota a Mt **26**, 17; cf Introd. ao N. T., 2.d. 1).
**22**, 17 Esta primeira copa que entrega aos apóstolos corresponde ao rito da Pascua, é dicir, da Antiga Alianza; a segunda copa (v. 20) corresponde á Eucaristía, é dicir, á Nova Alianza.
Véxase a nota a Mt **26**, 28.

–Tomade e repartídea entre vós, [18]pois asegúrovos que non volverei beber do produto da viña ata que chegue o Reino de Deus.

[19]E collendo pan, deu grazas, partiuno e déullelo, dicindo:

–Este é o meu corpo, que se entrega por vós: facede isto en memoria de min.

[20]E despois de cear, fixo o mesmo coa copa, dicindo:

–Esta copa é a *Nova Alianza*, selada co meu sangue, que se verte por vós. [21]Pero mirade o que vos digo: a man do que me entrega está aquí, sobre a mesa, a carón meu. [22]Porque o Fillo do Home vaise, conforme o determinado; pero ai daquel que o entrega!

[23]Entón empezaron a discutir entre eles, sobre quen podería ser o que ía facer iso.

**O máis importante** (Mt **20**, 25-28; Mc **10**, 42-45)

[24]Armouse tamén unha discusión entre eles sobre a quen deles debían considerar máis importante. Pero el díxolles:

[25]–Os reis dos xentís asobállanos, e os tiranos fanse chamar benfeitores. [26]Pero vós non fagades iso; non: que o maior entre vós sexa coma o máis pequeno, e o que goberna, coma quen serve. [27]Pois, quen é máis importante, o que está á mesa ou quen o serve? Acaso non é o que está na mesa? Pero eu ando entre vós coma quen serve. [28]Pois vós sodes os que quedastes comigo nas miñas probas. [29]E, como meu pai o dispuxo para min, así eu teño disposto para vós un reino, [30]para que, cando eu sexa rei, comades e bebades na miña mesa, e sentedes en tronos para xulgar as doce tribos de Israel.

**Anuncio das negacións de Pedro** (Mt **26**, 31-35; Mc **14**, 27-31; Xn **13**, 36-38)

[31]Simón, Simón, mira que Satanás vos reclamou para vos peneirar coma o trigo! [32]Pero eu roguei por ti, para que a túa fe non falle; e ti, ao que te arrepintas, debes confirmar os teus irmáns.

[33]Díxolle el:

–Señor, estou disposto a ir á cadea e á morte contigo.

[34]Respondeulle Xesús:

–Ten por seguro que hoxe, antes de que o galo cante, negarás tres veces que me coñeces.

[35]E logo preguntoulles a todos:

–Cando vos mandei sen bolsa, alforxas e calzado, sentistes falta de algo?

Eles responderon:

–De nada.

[36]El continuou:

–Pois agora quen teña unha bolsa, que a colla e que colla tamén unha alforxa; e quen non teña espada, que venda o seu manto e que merque unha. [37]Porque vos aseguro que é preciso que se cumpra en min aquilo que está escrito: *Foi contado entre os malfeitores*. E o tocante a min vaise cumprir.

[38]Eles dixéronlle:

–Señor, temos aquí dúas espadas.

Contestoulles:

–Basta! Xa está ben.

**No monte das Oliveiras** (Mt **26**, 36-46; Mc **14**, 32-42)

[39]Despois de saír, foise como facía sempre ao monte das Oliveiras, seguido dos seus discípulos. [40]Cando chegaron ao sitio, díxolles:

–Rogade que non caiades na tentación.

[41]E arredándose deles, coma un tiro de pedra, púxose a rogar axeonllado:

[42]–Meu Pai, se queres, arreda de min este cáliz. Pero que non se faga a miña vontade, senón a túa.

[43]E un anxo do ceo aparecéuselle para confortalo. [44]E cheo de angustia, pregaba con máis teima aínda, mentres suaba coma pingas de sangue que esvaraban ata o chan. [45]Erguéndose da oración, volveu onda os discípulos e atopounos durmidos por mor da tristeza. [46]Díxolles:

–Como é que estades a durmir? Erguédevos e rogade, para que non caiades na tentación.

**Traizón e arresto** (Mt **26**, 47-56; Mc **14**, 43-50; Xn **18**, 3-11. 20)

[47]Estaba aínda falando, cando apareceu xente; á fronte deles viña o chamado Xudas,

**22**, 20 Cf Xer **31**, 31.
**22**, 21 Cf Sal **41**, 10; Xn **13**, 18-30.
**22**, 36 Expresións simbólica, para expresar o que cumpre entón: ter moito coidado e gran fortaleza, ante a hostilidade á que se verán sometidos.
**22**, 37 Is **53**, 12.
**22**, 38 Os discípulos non entenderon o simbolismo con que falaba Xesús.
**22**, 42 Outros len: "Pai, se queres arredar de min este cáliz... Pero que...". En calquera caso, Xesús fai súa a vontade do Pai.
**22**, 44 *Coma pingas de sangue*: pode ser un feito real ou ben unha comparación (suor tan abondosa e mesta coma sangue). Algúns ms. suprimen os vv. 43 e 44, seguramente por lles pareceren "humanos de máis" estes aspectos de Xesús; pero iso equivale a non comprender que a divindade en nada diminúe a verdadeira humanidade do Salvador.

un dos Doce; e achegouse a Xesús, para lle dar un bico. [48]Pero Xesús díxolle:
—Xudas, cun bico entregas o Fillo do Home?
[49]Entón os seus acompañantes, decatándose do que pasaba, preguntáronlle:
—Señor, sacamos as espadas?
[50]E un deles feriu ao criado do sumo sacerdote, rabenándolle a orella dereita. [51]Pero Xesús díxolle:
—Deixádeos facer!
E tocándolle a orella, sandoulla. [52]Entón díxolles aos que viñan contra el, sumos sacerdotes, oficiais da garda do templo e anciáns:
—Viñéstesme prender con paus e espadas, coma se fose un bandido. [53]Pero eu estiven a diario convosco no templo, e non me puxestes as mans enriba. Ben: esta é a vosa hora, e o poder das tebras.

**As negacións de Pedro** (Mt **26**, 57-58. 69-75; Mc **14**, 53-54. 66-72; Xn **18**, 12-18. 25-27)

[54]Prendérono e levárono á casa do sumo sacerdote. Pedro seguíao de lonxe. [55]Encenderon lume no medio do patio, e sentaron arredor; e Pedro sentou tamén no medio deles. [56]Pero unha criada, viuno sentado a carón do lume, cravou os ollos nel e dixo:
—Este tamén andaba con el.
[57]El negouno dicindo:
—Muller, eu non o coñezo.
[58]Pouco despois viuno outro criado, e dixo:
—Ti es deles tamén.
Pero Pedro exclamou:
—Non, home, non son.
[59]Unha hora máis tarde, aínda volveu insistir outro criado:
—Si, seguro que andaba con el, que é galileo.
[60]Pedro replicou:
—Pero home, eu non che sei de que falas.
E no intre, estando aínda el a falar, cantou o galo. [61]O Señor, volvéndose, mirou a Pedro, e este acordouse das súas palabras: "Antes de que o galo cante hoxe, ti hasme negar tres veces". [62]Saíu para fóra, e chorou amargamente.

**Burlas e golpes a Xesús** (Mt **26**, 67-68; Mc **14**, 65)

[63]Os homes que o tiñan preso burlábanse del e mallábano; [64]tapábanlle a cara e preguntábanlle:
—Fai agora de profeta: quen che zoupou?
[65]E aldraxábano, dicíndolle outras moitas cousas.

**Xesús ante o Sanedrín** (Mt **26**, 59-66; Mc **14**, 55-64; Xn **18**, 19-24)

[66]Cando se fixo de día, reuniuse o Consello dos anciáns do pobo, os sumos sacerdotes e mais os letrados, e acordaron levalo ao Sanedrín. [67]E dixéronlle:
—Se ti es o Mesías, dínolo.
El contestoulles:
—Se volo digo, non me ides crer; [68]se vos fago preguntas, non me ides responder. [69]Pero desde agora o *Fillo do Home estará sentado á dereita do Todopoderoso*.
[70]Preguntáronlle todos:
—Logo es ti o Fillo de Deus?
El respondeu:
—Vós o dicides: eu son.
[71]Eles exclamaron:
—Para que máis testemuñas? Xa llo oímos nós mesmos da súa boca.

**Xesús ante Pilatos** (Mt **27**, 1-2. 11-14; Mc **15**, 1-5; Xn **18**, 28-38)

**23** [1]Cando se levantou a sesión, conduciron a Xesús ante Pilatos. [2]Alí empezárono a acusar, dicindo:
—Atopamos a este revolucionando ao pobo, impedíndolle pagar o tributo ao César, e declarándose ademais Mesías e rei.
[3]Pilatos preguntoulle:
—Es ti o rei dos xudeus?
Respondeulle:
—Ti o dis.

**22**, 52 *Anciáns*: cabezas de familias podentes, que constituían a nobreza leiga, e que como tais eran membros do Sanedrín (cf v. 66 e nota).
**22**, 66 *Sanedrín*: máximo organismo de Israel, composto polos anciáns, sumos sacerdotes e mais os letrados. O vocábulo que traducimos por "sumos sacerdotes" abarca o Sumo Sacerdote en funcións e os "sacerdotes xefes", pertencentes á nobreza sacerdotal (cf Introd. ao N. T., 2.b.1).
**22**, 69 Á dereita do Todopoderoso: lit. "á dereita do Poder de Deus" (cf Sal **110**, 1). Lc suprime o "veredes" de Mt e Mc, evitando toda referencia a Dn e facendo a expresión máis intelixible. Desde agora, naturalmente, refírese á morte.
**22**, 70 *Fillo de Deus*: aquí este título avanza sobre o de "Mesías" (v. 67), mentres que en Mt **26**, 63 e Mc **14**, 61 parece idéntico. Sinala, logo, o misterio pleno de Xesús (cf no mesmo sentido Lc **1**, 32. 35; Xn **10**, 24-36).
**23**, 3 *Ti o dis...*: Como en **22**, 70, a resposta pode ser afirmativa: "Si, tal como o dis", ou evasiva: "Iso dilo ti"... En realidade reflectiría o que a miúdo responde un galego: "Depende...!"

4Entón díxolles Pilatos aos sumos sacerdotes e mais á xente:
–Eu non atopo delito ningún neste home.
5Pero eles teimaban dicindo:
–Anda encirrando á xente, ensinando por toda Xudea, desde Galilea ata aquí.

**Ante Herodes**

6Oíndo aquilo, Pilatos preguntou se aquel home era galileo. 7Ao saber que pertencía á xurisdición de Herodes, remitiullo a el, que casualmente estaba por aqueles días en Xerusalén. 8Herodes, ao ver a Xesús, alegrouse moito, porque había tempo que o quería ver, polo moito que tiña oído falar del; de por parte esperaba ver algún milagre. 9Fíxolle moitas preguntas, pero Xesús non dixo palabra. 10Tamén estaban alí os sumos sacerdotes e mais os letrados acusándoo resoltamente. 11Herodes e mais os seus soldados aldraxáronо, e, para faceren risa del, vestírono cunha roupa fachendosa; e despois Herodes mandoullo de volta a Pilatos. 12E desde aquel día Herodes e Pilatos, que se levaban moi mal, quedaron amigos.

**Condenado á morte** (Mt **27**, 15-26; Mc **15**, 6-15; Xn **18**, 39-19, 16)

13Pilatos convocou os sumos sacerdotes, os xefes e mais o pobo 14e díxolles:
–Trouxéstesme este home coma se fose un revolucionario; pero eu, despois de o interrogar diante de vós, non atopei nel ningún delito deses dos que o acusades; 15nin tampouco Herodes, que nolo devolveu. Nada que mereza a morte cometeu; 16así que voulle pór un escarmento, e despois vouno soltar.
18Pero todos empezaron a berrar, dicindo:
–Fóra ese, solta a Barrabás! 19(Este estaba na cadea por unha revolta con asasinato, ocorrido na cidade).
20Pilatos volveulles falar, pois quería librar a Xesús. 21Pero eles berraban:
–Crucificao, crucificao!
22Pilatos replicou por terceira vez:
–Pero que mal fixo? Ningún delito de morte atopei nel. Dareille un escarmento e soltareino.
23Pero eles porfiaban a berros e pedían a crucifixión, facendo cada vez máis algareo. 24Por fin Pilatos sentenciou tal como eles querían. 25Soltou ao que reclamaban –o encadeado por revolta e asasinato–, e a Xesús entregóullelo ao seu antollo.

**Crucifixión** (Mt **27**, 32-44; Mc **15**, 21-32; Xn **19**, 17-27)

26Cando o levaban, botaron man dun certo Simón de Cirene, que viña da leira, e cargáronlle a cruz, para que a levase detrás de Xesús. 27Ía tras eles unha chea de xente e mulleres batendo no peito e laiándose por el. 28Xesús volvéndose a elas, díxolles:
–Fillas de Xerusalén, non choredes por min: chorade máis ben por vós e polos vosos fillos. 29Porque, mirade, veñen días nos que se dirá: "Afortunadas as estériles, os ventres que non xeraron e os peitos que non criaron". 30*E pediranlles aos montes: "Caede enriba de nós!", e aos outeiros: "Tapádenos"*. 31Porque se isto fan coa árbore verde, que lle pasará á seca?
32Levaban con el tamén a outros dous bandidos, para executalos. 33E cando chegaron ao lugar chamado A Caveira, crucificárono alí; e con el os dous bandidos: un á dereita e outro á esquerda del.
34Xesús dicía:
–Meu Pai, perdóaos, que eles non saben o que fan!
E, *botando as sortes, repartiron a súa roupa*. 35A xente estaba a mirar, e os xefes moqueábanse del, dicindo:
–A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido!
36Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, 37dicindo:
–Se ti es o rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo.
38E había un letreiro enriba del: "Este é o rei dos xudeus".
39Un dos bandidos que estaban crucificados, insultábao tamén:
–Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós.
40Pero contestoulle o outro, reprendéndoo:

**23**, 4 Pilatos, á luz do que di o v. 4, debeu interpretar a contestación de Xesús como unha saída irónica ou como unha resposta negativa.
**23**, 16 Lc evita adrede falar da "flaxelación", quizais polo tremendamente cruel e humillante que era ese suplicio. Este evanxelista ten sempre a tendencia a esquivar as situacións humillantes de Xesús ou dos seus discípulos.
**23**, 17 Algúns ms. engaden o v. 17: "En cada festa tiña a obriga de soltarlles un preso" (tomado de Mc **15**, 6).
**23**, 27 Estas mulleres de Xerusalén, que se compadecen de Xesús, simbolizan as persoas que permanecen fieis a Xesucristo.
**23**, 30 Cf Os **10**, 8. Situación embarazosa, traducible pola expresión "terra, trágame".
**23**, 34 Sal **22**, 19.
**23**, 36 Había o costume de ofrecerlles calmantes aos condenados, para aliviarlles a dor.

–Seica non temes a Deus, ti que sofres a
mesma condena ca el? 41Nós, polo menos,
recibimos o que merecemos, pero este non
fixo mal ningún.
42E dicíalle:
–Xesús, lémbrate de min cando volvas
como rei!
43Xesús respondeulle:
–Asegúroche que hoxe estarás comigo no
paraíso!

**Morte de Xesús** (Mt **27**, 45-56; Mc **15**, 33-41; Xn **19**, 28-30)

44Chegado o mediodía, a escuridade cubriu a terra ata a media tarde. 45Pois houbo
unha eclipse de sol. E o veo do Santuario rachou polo medio. 46Entón Xesús, pegou un
berro moi alto e dixo:
–Meu Pai!: *nas túas mans entrego o meu espírito!*
E dicindo isto, morreu. 47O centurión, vendo o que sucedera, glorificou a Deus, dicindo:
–Realmente este home era inocente!
48E toda a xente que acudira ao espectáculo, ao ver o que pasaba, volvía batendo no
peito. 49Os seus coñecidos seguían todo de
lonxe, e igual as mulleres que o acompañaran
desde Galilea.

**Sepultura** (Mt, **27**, 57-61; Mc **15**, 42-47; Xn **19**, 38-42)

50Un home bo e honrado, chamado Xosé,
que era conselleiro 51–aínda que el non estivera de acordo co proceder do Consello–, natural de Arimatea, vila de Xudea, e que esperaba o Reino de Deus, 52presentouse a Pilatos
e pediulle o corpo de Xesús. 53Logo, despois
de o baixar, envolveuno nunha saba e púxoo
nun sepulcro cavado na rocha, que estaba
sen estrear. 54Era o día da Preparación e xa
despuntaba o sábado. 55Tamén estiveron presentes as mulleres que o acompañaban desde
Galilea, pois seguiron a Xosé, e viron o sepulcro e como o depositaba. 56Cando regresaron, prepararon perfumes e bálsamos. Pero
o sábado descansaron, conforme o mandado.

## A RESURRECCIÓN

**Anuncio da resurrección** (Mt **28**, 1-10; Mc **16**, 1-8; Xn **20**, 1-10)

**24** 1A madrugada do primeiro día da semana foron ao sepulcro, levando os
perfumes que tiñan preparados. 2Pero atoparon quitada a lousa, arredada do sepulcro.
3Entraron, e viron que o corpo do Señor non
estaba alí. 4Entón, mentres estaban todas
perplexas por aquilo, apareceron dous homes con vestidos resplandecentes. 5Cheas de
medo, miraban para o chan; pero eles preguntaron:
–Por que buscades entre os mortos a quen
está vivo? 6Non está aquí; resucitou. Recordade o que vos dicía en Galilea: 7que cumpría
que entregasen o Fillo do Home nas mans
dos pecadores, que o crucificasen e que resucitase ao terceiro día.
8A elas acordáronlles aquelas palabras
súas, 9e, volvendo do sepulcro, anunciáronllelo aos Once e a todos os demais. 10Eran
elas: María Magdalena, Xoana e María a de
Santiago. Tamén as outras que as acompañaban lles dicían o mesmo aos apóstolos;
11pero eles non lles daban creto: parecíalles un desatino das mulleres. 12Mesmo así,
Pedro ergueuse e foi correndo ao sepulcro;
abaixándose, viu as vendas soas; e, todo
abraiado polo acontecido, volveu para a súa
casa.

**Camiño de Emaús** (Mc **16**, 12-13)

13Aquel mesmo día dous deles ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez
quilómetros de Xerusalén. 14Ían falando de
canto pasara. 15E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse
e camiñaba canda eles. 16Pero os seus ollos
estaban incapacitados para o recoñeceren.
17Entón preguntoulles:
–De que ides falando polo camiño?
Eles pararon cun rostro moi tristeiro, 18e
Cleofás, un deles, respondeulle:
–Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?

**23**, 42 *Cando volvas como rei.* Outros traducen: "Cando entres no teu reino", sendo dese xeito mais fieis á letra da Escritura.
**23**, 43 Segundo a tradición xudía, os xustos estaban no "Seo de Abraham" (**16**, 23); segundo a tradición cristiá, a partires da morte de Cristo están na compaña de Xesús (cf Feit **7**, 59; Flp **1**, 23).
**23**, 45 Véxase a nota a Mt **27**, 45 e **27**, 51.
**23**, 46 Sal **31**, 6.
**24**, 13 *Uns dez quilómetros*: lit. "sesenta estadios".

19El preguntou:
–De que, logo?
Eles contestaron:
–Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; 20de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron a morte e o crucificaron. 21Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. 22Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ao riscar o día ao sepulcro 23e, ao non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive. 24E algúns dos nosos alá foron ao sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.
25Entón díxolles:
–Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! 26E logo non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?
27E comezando por Moisés e todos os profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del. 28Ao achegarse á aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante. 29Pero eles porfiáronlle, dicindo:
–Queda connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba.
Quedou con eles. 30E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo. 31Entón abríronselles os ollos e recoñecérono; pero el desapareceu. 32E dixeron:
–Non ardía o noso corazón, cando nos falaba polo camiño, interpretándonos as Escrituras?
33E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon os Once reunidos cos seus acompañantes, 34que dicían:
–É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón.
35Eles tamén contaron o que lles pasara polo camiño e como o recoñeceran no partir o pan.

**Aparición aos apóstolos** (Mt **28**, 16-20; Mc **16**, 14-18; Xn **20**, 20-23; Feit **1**, 6-8)

36Estando eles comentando estas cousas, presentóuselles Xesús no medio e díxolles:
–A paz sexa convosco!
37Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. 38Pero el díxolles:
–Por que estades asustados e a que veñen esas dúbidas? 39Mirade para as miñas mans e para os meus pés: sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.
40E dicindo isto, mostroulles as mans e mais os pés. 41Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acababan de crer. Xesús preguntoulles:
–Tedes por aí algo que comer?
42Déronlle un anaco de peixe asado. 43El colleuno e comeuno diante deles. 44Logo díxolles:
–A isto me refería eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos Profetas e mais nos Salmos acerca de min.
45E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. 46E engadiu:
–Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, 47e predicarase no seu nome a conversión e mais o perdón dos pecados a todos os pobos, empezando por Xerusalén. 48Vós seredes testemuñas de todo isto. 49E eu heivos mandar o don prometido por meu Pai. Mentres tanto seguide na cidade, ata que se vos revista co poder que vén de arriba.

**Ascensión de Xesús** (Mc **16**, 19-20; Feit **1**, 9-11)

50Despois levounos para fóra, a un lugar preto de Betania, e alí, erguendo as mans, bendiciunos. 51E mentres os bendicía, foise separando deles, e foi elevado ao ceo. 52Eles, despois de se prostraren ante el, volveron para Xerusalén cheos de alegría. 53E seguían decote, no templo, bendicindo a Deus.

**24**, 21 Vese como os discípulos participan da mentalidade xeral dos xudeus, que esperaban un Mesías político e liberador de Israel. Tan só despois da resurrección foron purificando a súa fe.
**24**, 30 *Partir o pan*: termo co que na primitiva Igrexa se denominaba a Eucaristía (Feit **2**, 42; cf v. 35).
**24**, 44 Segundo o libro dos Feit, as aparicións estendéronse durante corenta días despois da Resurrección. No evanxeo, Lc condensa todo nun só día.
**24**, 52 Este terceiro evanxeo, que comeza coa alegría polo nacemento de Xoán o Bautista (**1**, 14), remata co mesmo sentimento de gozo, a pesar da marcha de Xesús.

# INTRODUCIÓN AO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

## 1. O estilo da comunidade xoánica

*Aínda que todo comezara en Galilea, onde Xesús anunciaba o Reino de Deus, a concreción das comunidades arredor dos predicadores do Evanxeo faise en Xerusalén. O cuarto evanxeo, de xeito distinto aos de Mateo, Marcos e Lucas, presenta os ditos e feitos de Xesús en varias viaxes que fixo a Xerusalén, para participar das festas máis importantes na Cidade Santa.*

*A diversidade entre os tres primeiros evanxeos e o que ofrece o cuarto, non parece deberse tan só aos diferentes puntos de vista de cada autor, senón tamén á diversa condición dos destinatarios e mesmo á do grupo que se reúne a carón dos dirixentes desas comunidades.*

*O ambiente das comunidades xoánicas distínguese da dos cristiáns de Xerusalén, de cuño hebreo. Aquelas tiñan como personaxe principal ao Discípulo Amado. Ademais había grupos gnósticos, de tipo dualista, que buscaban a salvación polo coñecemento e que consideraban o mundo enfrontado con Deus. O escrito que chegou ata nós reflicte, por unha banda, coñecemento da xeografía e das institucións xudías; por outra, as expresións propias do ámbito alexandrino ou helenista en xeral; e amosa ademais unha teoloxía moi evolucionada, que presenta a Xesús como o verdadeiro templo de Deus, e que move á adoración en espírito e verdade, e tamén a deixar a un lado a sinagoga, que os perseguía por consideralos herexes. Os cristiáns desas comunidades, necesitados da acollida das autoridades civís, téñense que relacionar co entorno pagán e soportar as divisións que xorden entre eles debido a aspectos doutrinais. Aos cristiáns pídeselles unha estreita relación con Xesús, coma os bacelos coa vide. Dese xeito, a chamada Escola Xoánica aplica a tradición recibida de Xoán ao mundo da dispersión cristiá, un mundo distinto daquel no que nacera a fe en Cristo.*

## 2. A autoría do Evanxeo segundo Xoán

*A presente obra non aparece vinculada a ningún autor determinado. Fálase, sen embargo, dun discípulo que dá testemuño do que viu (**21**, 14), e ao que se refire unha e outra vez o cuarto evanxeo na segunda parte da obra (**13**, 23-25; **19**, 25-27; **20**, 2. 4-8; **21**, 7. 20-32). Ese personaxe pódese identificar ou non co innominado do primeiro capítulo (**1**, 37-42), e co que se designa na parte final como "o outro discípulo" (**18**, 16; **20**, 2-10; cf **18**, 15).*

*Neste evanxeo alúdese a un Xoán que deu testemuño da luz. Era Xoán o Bautista. Sen embargo, non se di nada de Xoán o de Zebedeo, un dos discípulos mais achegados ao Señor, e, xunto con Pedro, o máis importante da Igrexa nacente. Velaí a razón de que moitos estudosos, por estes motivos, consideren o discípulo anónimo como Xoán, o fillo do Zebedeo. El puido estar na base do que daría como resultado este evanxeo, aínda que algúns discípulos seus, da chamada Escola Xoánica, foran coautores. O ter en conta isto último non semella descamiñado, xa que a derradeira conclusión deste evanxeo (**21**, 24-25), que alude á testemuña presencial en terceira persoa, non puido ser escrita polo primeiro autor. Máis aínda, podemos afirmar que a testemuña dos feitos, comunicaríalles aos seus discípulos o que viu e escoitou de Xesús, e que estes predicarían á xente e porían por escrito algunha parte do evanxeo, aínda despois de morrer o apóstolo. A paternidade do evanxeo déuselle a Xoán, como se fai aínda hoxe cando unha persoa deixou sen publicar un material e outra o publica, mesmo imprimíndolle o seu colorido. O redactor final non sería Xoán, pero el estaría na base das tradicións recollidas nese evanxeo.*

*No tocante a ese Xoán, era fillo do Zebedeo e Salomé (Mt **4**, 22; **27**, 56; cf Mc **15**, 40) e irmán de Santiago o Maior. Nacera en Betsaida, vila situada á beira do lago de Tiberíades. Se coincide co discípulo anónimo mencionado en **1**, 25-40, fora discípulo do Bautista antes de seguir a Xesús. Máis adiante chegou a ser un dos tres preferidos do Mestre (Mt **17**, 1; **26**, 36-37; Xn **13**, 23-25). Na paixón é o único que non abandona a Xesús (**19**, 26 s); e despois da Ascensión é protagonista, xunto con Pedro, das diversas actividades da Igrexa Apostólica (Feit **1**, 13; **3**, 1-11; **8**, 14). No ano do Concilio de Xerusalén (49/50 d. C.), residía na Cidade Santa. Despois, segundo a tradición, marchou a Éfeso, onde viviu ata que o desterraron á illa de Patmos. En tempos do emperador Nerva (ano 96) volveu a Éfeso, onde morreu, nos comezos do reinado de Traxano.*

### 3. Motivo e finalidade

*As razóns que moveron ao autor a escribir o evanxeo, puideron ser de moi diversa índole: facerlles fronte ás ideas dos seguidores de Xoán o Bautista, dos gnósticos ou dos docetas, ou mesmo confirmar os crentes na fe, evitando así que algúns cristiáns caeran nas ideas que tiñan outros, por asemellarse ao sentir de grupos alleos á fe. O máis verosímil é que, tendo en conta todas esas razóns, escribise coa finalidade de proclamar e esclarecer a palabra salvadora nunhas circunstancias de mentalidade e problemática diferentes ás do mundo en que apareceran os sinópticos. Esta finalidade resulta non tanto misioneira canto dunha meirande fondura na fe.*

### 4. Tempo, destinatarios e lugar onde se escribiu

4.1. *A tradición histórica, na que se funda toda a obra, pódese datar entre o ano 40 e o 60. A primeira aparición dos escritos non é anterior á dos evanxeos segundo Mateo e Lucas (70-80), sendo o máis probable que aparecese polos anos 85 ou 90, cando proliferaban as excomuñóns entre os xudeus.*

4.2. *O ton que utiliza para falar dos xudeus fainos pensar que non se dirixe a eles con preocupación misioneira. Por outra parte, a ignorancia da topografía palestina que supón nos destinatarios, ademais das explicacións de termos culturais e relixiosos coñecidos polos xudeus, favorecen a idea de que ía dirixido a xente da Diáspora, o que vén confirmado pola ironía de* ***7****, 35. Concretando máis, o feito de que o N. T. só localice os discípulos de Xoán o Bautista en Palestina e en Éfeso (Feit* ***19****, 1-7), induce a pensar que Xoán o Evanxelista escribiu a súa obra para os cristiáns de Éfeso, que convivían cos discípulos do Bautista.*

4.3. *Tocante ao lugar onde se escribiu, tanto o exame interno do texto, como o testemuño dos escritores antigos, está a favor de que foi en Éfeso.*

### 5. Un evanxeo histórico-teolóxico

*As preocupacións de Xoán e a súa finalidade son de tipo teolóxico. Sen embargo, non por isto descoida os datos históricos. Máis aínda, en moitos casos precisa con moita exactitude os datos dos sinópticos tradición que parece coñecer, aínda que non se axuste demasiado a ela.*

*As escavacións feitas no século pasado confirman a veracidade da topografía palestina tal como se expón no cuarto evanxeo. O autor quere facer teoloxía baseándose en feitos históricos, realizando unha interpretación teolóxica deles e presentando a súa dimensión espiritual.*

### 6. Eclesioloxía, sacramentalidade e escatoloxía

6.1. *Quen cre en Xesús é verdadeiro israelita, coma Natanael: ese tal naceu de Deus, non da carne nin do sangue. Por esa fe e por ese nacemento do Espírito fórmase a comunidade. Esta é coma unha viña, da que Xesús é a cepa e os cristiáns os bacelos. A unión con Xesús o mesmo que a duns cristiáns con outros (****17****, 22) é fundamental. Ademais desta imaxe da viña, o cuarto evanxeo amosa a comunidade como rabaño guiado por Cristo, o Bo Pastor (c.* ***10****). Xesús tamén se presenta coma o Mesías que vén implantar na terra o Reino de Deus: un rei que exerce a súa soberanía desde a cruz. Sintetizando, logo, "viña", "rabaño" e "súbditos do rei", son expresións que conteñen o sentido da Comunidade de crentes.*

6.2. *A salvación, que nos chega polo Fillo de Deus feito home, lógrase por medio dunhas realidades moi comúns, como son a auga, o pan e a palabra. Pola realidade sacramental, a persoa crente entra, mediante o Espírito, en relación con Xesús glorificado e, por este, co mesmo Pai.*

*As preocupacións deste evanxeo miran máis a indicar o froito espiritual do sacramento que a sinalar a institución do rito. Con todo, fanse afirmacións claras especialmente no tocante ao Bautismo e á Eucaristía; e non como instrucións que dá Xesús aos discípulos no remate da súa vida (cf Feit* ***1****, 3), senón como resultado da actuación de Xesús.*

6.3. *Xoán, a diferenza dos sinópticos, preséntanos unha "escatoloxía xa realizada" (****6****, 56: ten a vida eterna), aínda que non totalmente rematada. Deus maniféstase en Xesús e xa vimos a gloria de Deus (****1****, 14). Pero, ao mesmo tempo, dáse un elemento futuro: algunhas cousas non sucederán ata que chegue a "hora de Xesús" (7, 39), ou aínda despois dela (****16****, 7), para ter o seu remate definitivo na fin dos tempos (****6****, 40;* ***12****, 48).*

### 7. Algúns temas fundamentais

7.1. *A hora de Xesús. O Señor vai camiñando ao longo de toda a súa vida, cara a un momento misterioso, a súa hora. Esta expresión permítenos dividir o cuarto evanxeo en dúas partes: a primeira, ata a chegada*

*da hora; e a segunda, a partir da chegada da hora. A hora de Xesús é a da súa paixón, concibida por Xoán como exaltación, pois nela comunica os bens mesiánicos, atraendo a todos cara a El (**12**, 32).*

7.2. *A fe. É unha resposta a Deus, que nos fala polo seu Fillo. Quen está nas tebras, non viu en Xesús o Fillo de Deus. Xesús fala do que viu e oíu onda o Pai (**3**, 11-13. 32-34; **6**, 46; **8**, 26) e dinos a verdade que del recibiu (**8**, 40). Quen cre en Cristo, cre no Pai, pois o Pai testemuña por medio del (**3**, 33; **8**, 26).*

7.3. *Signos e obras (cf **2**, 11 nota). As obras de Xesús teñen no evanxeo de Xoán o valor de signos que o Pai lle dá a facer, manifestando que o dedo de Deus estaba alí. As obras de Xesús veñen sendo deste xeito unha continuación dos feitos salvadores de Deus na historia. É o Pai quen quere seguir actuando e faino agora por medio de Xesús (**5**, 17; **14**, 10).*

## 8. Posibles dependencias do referido Evanxeo

8.1. *A idea dunha dependencia do evanxeo segundo Xoán do mundo gnóstico e helenista estaba na mente de bastantes estudosos da primeira metade do século XX. No que atinxe ao mundo gnóstico, os textos aparecidos en NagHammadí amosaron as súas diverxencias. Polo contrario, ao descubrirse e publicarse os Documentos do mar Morto atopáronse neles significativos paralelos coa obra xoánica. Destes paralelos, podemos concluír a existencia de puntos comúns co cuarto Evanxeo, do que se conclúe que este non precisou saír do seu ambiente e acadar préstamos helenistas. Podemos destacar a oposición "verdade-mentira", "Luz-tebra"; a caracterización de Satán como "o príncipe do mal", a existencia dun "espírito da luz", e a loita entre os principios do ben e do mal ata que o primeiro venza totalmente ao segundo.*

8.2. *No que atinxe aos "targums" –traducións da Biblia ao arameo, con certas parafrases–, para uso sinagogal tamén se atopa a idea da "gloria de Deus", a "palabra de Deus", o "Espírito Santo", o "Pai que está no ceo", o "perdón dos pecados", o "día do xuízo" e outros temas e expresións. En xeral, podemos dicir que Xoán utiliza o A. T. á luz do targum.*

## 9. Estrutura do Evanxeo

9.1. *Prólogo: **1**, 1-18.*
9.2. *Libro dos Signos: **1**, 19-**12**, 50.*
9.3. *Libro da Gloria: **13**, 1-**20**, 29.*
9.4. *Epílogo: **20**, 30-31.*
9.5. *Apéndice: **21**, 1-25.*

# EVANXEO SEGUNDO XOÁN

## PRÓLOGO

**1** [1]No principio existía a Palabra,
e a Palabra estaba onda Deus
e a Palabra era Deus.
[2]Ela estaba no principio onda Deus.
[3]Todo foi feito por ela,
e sen ela non se fixo
nada do que foi feito.
[4]Nela estaba a vida,
e a vida era a luz dos homes;
[5]a luz aluma na tebra
e a tebra non a deu apagado.
[6]Houbo un home
mandado por Deus:
o seu nome era Xoán.
[7]Este veu de testemuña
para dar testemuño da luz,
para que todos cresen por el.
[8]Non era el a luz,
senón que veu para dar
testemuño da luz.
[9](A Palabra) era a verdadeira luz
que aluma a todo home
que vén a este mundo.
[10]Ela estaba no mundo,
e o mundo foi feito por ela,
pero o mundo non a recoñeceu.
[11]Veu á súa propiedade,
e os seus non a acolleron.
[12]Pero a cantos a recibiron,
aos que cren no seu nome
deulles o poder
de seren fillos de Deus.
[13]Estes, non naceron do sangue
nin da vontade da carne,
senón de Deus.
[14]E a Palabra fíxose carne,
e plantou entre nós a súa tenda,
e nós vimos a súa gloria,
gloria coma de Unixénito
que vén do Pai,
cheo de graza e de verdade.
[15]Xoán dá testemuño del,
exclamando:
"Este évos de quen eu dixen:
O que vén detrás miña,
pasa diante miña,
pois existía primeiro ca min".
[16]E da súa abundancia
recibimos todos nós
graza e máis graza.
[17]Pois a Lei deuse
por medio de Moisés;
a graza e a verdade
realizáronse por Xesucristo.
[18]A Deus ninguén o viu:
o Unixénito, que está no seo do Pai,
foi quen nolo revelou.

**1**, 1 O autor desprega a doutrina da *Palabra* ("Logos", "Verbo") de Deus, usando como pano de fondo o comezo da Biblia. Emprega nos catro primeiros vv. unhas expresións que se atopan nos tres primeiros do libro da Xénese, como son, entre outras: "no principio", "foi feito", "luz" e "tebra".
A Palabra de Deus existe desde sempre. Mentres que a Sabedoría foi creada nos comezos (Pr **8**, 22-23), a Palabra de Deus xa existía; mentres que todo o resto *chegou a ser* (Xén **1**, 3), a Palabra de Deus *xa era* (**1**, 1).
Xoán recibe a doutrina da Palabra a través dos *Targums* (cf Introd., 7). Nestes dise que a Palabra de Deus era a luz que alumaba no momento da creación.
**1**, 3 Non soamente Xn, senón tamén Paulo e mais Heb subliñan o papel da Palabra de Deus na creación (Col **1**, 16; Heb **1**, 1-3).
**1**, 6 Relacionándoo co tema da luz, introduce Xn (vv. 6-8) a figura do Bautista, pregoeiro que vai diante de Xesús, para dar testemuño del. Volverase falar do Bautista en **1**, 15. 29-37.
**1**, 9 *A Palabra*: lit. "ela". Despois do inciso do Bautista, volverase enlazar co v. 5.
**1**, 12-13 Outra lectura dalgúns ms., menos probable ca a escollida, di: "[12]Pero a cantos a recibiron / deulles o poder de seren fillos de Deus. [13]Ela nin naceu do sangue, nin da carne / senón de Deus".
**1**, 14 No A. T. Deus maniféstalles aos homes, en diversas ocasións, o seu poder (Éx **16**, 7-10; **24**, 17). Coa vinda de Cristo, a gloria de Deus móstrasenos dun xeito máis claro e duradeiro na Palabra de Deus encarnada, polos signos do poder de Deus que El fai (Xn **2**, 11; **11**, 40; **17**, 4). Esta gloria chega ao cumio na paixón e resurrección de Cristo (cf **12**, 27-32; **13**, 31-32; **20**, 19-23).
**1**, 17 Moisés fixo de mediador da Lei (Éx **33**-**34**) na Antiga Alianza, pacto que a xente non respectou. Entón Deus anuncia por medio de Xeremías unha Nova Alianza, máis interior (Xer **31**, 33), de benevolencia, graza e fidelidade, que se ofrecen agora ás persoas por medio de Xesucristo.

# O LIBRO DOS SIGNOS

## Dobre testemuño do Bautista

19E este é o testemuño de Xoán cando os
xudeus lle mandaron de Xerusalén sacerdotes e levitas onda el, para lle preguntar:
—Ti quen es?
20El declarou e non negou. Declarou:
—Eu non son o Cristo.
21Preguntáronlle:
—Entón quen es ti? Es Elías?
Contestou:
—Non son.
—Es o profeta?
Respondeu:
—Non.
22Daquela dixéronlle:
—E, logo, quen es?, para que lles poidamos dar unha resposta aos que nos mandaron. Que dis de ti mesmo?
23El dicía:
—Eu son a *voz do que clama no deserto:* "*Endereitade o camiño do Señor*!" (como escribira o profeta Isaías).
24Algúns dos mandados eran fariseos, 25e preguntáronlle:
—Entón por que bautizas, se non es ti o Cristo nin Elías nin o profeta?
26Xoán respondeulles:
—Eu bautizo con auga; mais entre vós está quen vós non coñecedes; 27o que vén detrás miña e eu non son merecente de lle desatar o amalló da sandalia.
28Todo isto pasou en Betania, pola outra banda do Xordán, onde estaba Xoán bautizando.
29Ao outro día, vendo a Xesús, que viña cara a el, dixo:
—Velaí o Año de Deus, o que arrinca o pecado do mundo! 30Este é de quen eu dixen: "Detrás miña vén un home que pasa diante miña, pois existía primeiro ca min". 31Eu non o coñecía, mais para iso vin eu bautizar con auga: para llo mostrar a Israel.
32E Xoán seguiu testemuñando:
—Eu vin o Espírito baixar do ceo coma unha pomba e pousar enriba del. 33Eu non o coñecía, pero o que me mandou bautizar con auga, díxome: "Cando vexas o Espírito baixar e pousar sobre un, ese é o que bautiza co Espírito Santo". 34E eu vino e dou testemuño de que este é o Fillo de Deus.

## Os primeiros discípulos de Xesús: André e Pedro

35Ao outro día estaba de novo Xoán con dous dos seus discípulos 36e, vendo a Xesús que camiñaba, dixo:
—Velaquí o Año de Deus.
37Cando os dous discípulos oíron o que el falara, fóronse detrás de Xesús. 38Volveuse Xesús e, vendo que eles o seguían, preguntoulles:
—Que buscades?
Eles respondéronlle:
—*Rabbí* (que quere dicir "Mestre"), onde paras?
39El díxolles:
—Vide e veredes.
E eles foron e viron onde paraba e quedaron con el aquel día. Era contra as catro da tarde. 40Un dos dous que escoitaron a Xoán e seguiron a Xesús era André, o irmán de Simón Pedro. 41Vai e ao primeiro que atopa é a Simón, o seu propio irmán, e dille:
—Encontramos o Mesías (que quere dicir "Cristo").
42E levouno onda Xesús. Ao velo, díxolle Xesús:
—Ti es Simón, o fillo de Xoán. Ti haste chamar Cefas (que quere dicir Pedro).

## Felipe e Natanael

43Ao outro día decidiu Xesús saír para a Galilea; atopou a Felipe e díxolle:
—Sígueme.

**1**, 19 O "Libro dos Signos" (**1**, 19-**12**, 50), é a primeira das partes principais do Evanxeo de Xn.
**1**, 23 Fai unha actualización do anunciado por Isaías (Is **40**, 3), aplicándollo ao Bautista.
**1**, 28 Esta *Betania* é outra distinta da aldea onde vivían Lázaro, Marta e María (cf **11**, 18 nota).
**1**, 31 Os *Targums* e mais algúns apócrifos do A. T. din que o Mesías ha de ser revelado. A función de revelador asúmea o Bautista.
**1**, 33 Xesús posúe *o Espírito* en plenitude, como estaba xa anunciado no A. T. (Is **11**, 2; **42**, 1). Por iso pódeo comunicar aos outros. Esa comunicación faina polo bautismo co Espírito Santo. Deste bautismo falaralle Xesús a Nicodemo (Xn **3**, 5-6), inaugurarao o mesmo Xesús o día de Pentecoste (Feit **2**, 1-4; cf **1**, 4-5), e administrarano os apóstolos a partir dese día (Feit **2**, 38-41; **8**, 12-38).
**1**, 39 *As catro da tarde*: lit. "a hora décima".
**1**, 41 *Mesías* é un termo procedente do hebreo, mentres o vocábulo "Cristo" vén do grego. Ambos termos significan "Unxido" aquel sobre o que se verte o óleo para o facer rei. Na práctica, aplícase ao salvador que se esperaba en Israel e que se concreta na persoa de Xesús de Nazaré.
**1**, 42 *Cefas*: Xesús cámbialle o nome a Simón, pois encoméndalle outra misión que ha comprometer toda a súa vida. O nome responde á realidade: "Kefas" (en arameo) que é o mesmo ca "Petros" (en grego): pedra, rocha. A razón dese nome é que Simón ha de ser a rocha sobre a que Xesús vai edificar a súa Igrexa (cf Mt **16**, 18).

44Felipe era de Betsaida, da vila de André
e mais de Pedro. 45Atopou Felipe a Natanael
e díxolle:
—Encontramos a aquel de quen escribiron
Moisés na Lei e mais os Profetas: a Xesús, o
fillo de Xosé, o de Nazaré.
46Contestoulle Natanael:
—E de Nazaré pode saír algo bo?
Felipe díxolle:
—Ven e verás!
47Viu Xesús a Natanael, que se achegaba,
e dixo del:
—Aí tedes un verdadeiro israelita, en quen
non hai dobrez.
48Preguntoulle Natanael:
—E de que me coñeces?
Contestoulle Xesús:
—Antes de que Felipe chamase por ti, xa
eu te vira, cando estabas debaixo da figueira.
49Respondeulle Natanael:
—*Rabbí*, ti es o Fillo de Deus, ti es o rei
de Israel.
50Díxolle entón Xesús:
—Porque che dixen que te vin debaixo da
figueira, xa cres? Pois cousas máis grandes
has ver.
51E concluíu:
—Con toda verdade volo aseguro: haberedes ver o ceo aberto, e os anxos de Deus
subindo e baixando onda o Fillo do Home.

## O primeiro signo nas vodas de Caná

**2** 1O terceiro día houbo un casamento en
Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. 2Tamén foi convidado Xesús e mais os
seus discípulos ao casamento. 3Chegou a faltar o viño e a nai de Xesús díxolle:
—Non che teñen viño.
4Replicoulle Xesús:
—Muller que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.
5Súa nai díxolles entón aos servidores:
—Facede o que el vos diga.
6Había alí seis píos de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ao pé de cen
litros cada unha. 7E ordenoulles Xesús:
—Enchede de auga eses píos.
Eles enchéronos de todo. 8Díxolles entón:
—Collede agora e levádelle a proba ao mestresala.
Eles levárona. 9E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onda viña
(os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo 10e díxolle:
—Todo o mundo pon de primeiras o viño
bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixaches o viño bo para
agora.
11Foi así como fixo Xesús o primeiro dos
signos en Caná de Galilea; manifestou a súa
gloria, e creron nel os seus discípulos.

**1**, 44 *Betsaida* era unha das aldeas situadas a carón do lago de Xenesaret, na súa ribeira Norte.
**1**, 45 Xesús era considerado fillo de Xosé, pois Xosé e María estaban desposados e vivían na mesma casa.
**1**, 49 Con esas expresións vén significar que é El o salvador que o pobo de Israel estaba agardando: o Mesías, o Cristo. Algo lle debeu descubrir Xesús a Natanael, que lle fixo ver no Mestre o profeta anunciado por Moisés (**1**, 45; cf Dt **18**, 18), o Mesías proclamado tamén polos profetas (Is **11**, 1-9; **42**, 1-12; Xer **23**, 5-6).
**1**, 51 *Con toda verdade volo aseguro*. Lit. "Amén, amén, dígovos". Expresión característica e exclusiva de Xn (que a usa vinte e cinco veces). Tamén se podería traducir: "en verdade, en verdade vos digo". A tradución adoptada que se empregará sempre quere indicar: 1) a énfase da repetición e 2) a firmeza incluída na raíz hebrea do *amén*.
*Os anxos de Deus...*: Xén **28**, 12 cóntanos como subían e baixaban os anxos por unha escada na presenza de Xacob. O *Targum Palestino* sinala a razón desas subidas e baixadas: querían ver a Xacob. Xesús vénlle dicindo a Natanael, en termos daquela familiares, que o que admiran de Xacob hano ver tamén nel.
**2**, 1 *Caná de Galilea* era unha aldea identificada polos arqueólogos como a actual Khirbet-Kaná ("ruínas de Caná"), a uns 10 km ao NL de Nazaré. Sen embargo, algúns pensan que se trata de Kefar-Kaná ("a aldea de Caná"), 14 km ao N de Nazaré, a onde van actualmente os que peregrinan a Terra Santa.
**2**, 4 É esta a primeira vez que aparece no cuarto evanxeo a palabra *hora* con sentido teolóxico. A hora de Xesús terá lugar no momento sinalado polo Pai. Nin a nai de Xesús nin Xesús mesmo poden adiantar esa "hora" da plena revelación, que se fará realidade ao final da vida do Mestre; pero pode adiantarse "sacramentalmente", "prefigurándose" nos "signos".
Os profetas falaran dos tempos mesiánicos coma dun *casamento* de Israel co seu Deus (Is **54**, 4-8; **62**, 4-5); e tamén coma un *banquete* de auga, viño e leite (Is **55**, 1), un banquete onde habería viño abondo (Is **62**, 8-9; Am **9**, 13-14; cf Is **62**, 21). No libro dos Proverbios (**9**, 1-5) preséntase coma un banquete de pan e viño.
O viño que Xesús ofrece é un *viño* novo. Xn critica, como fixera Xesús (Mc **7**, 1-24) as purificacións xudías, feitas con "auga", e exprésao mediante a frase de María "non teñen viño". Xesús inaugura os tempos mesiánicos, ofrecendo viño abondo, un viño novo, viño que ata aquel momento non o había.
Mencionando o casamento e mais o viño novo, Xesús anuncia a chegada dos tempos mesiánicos.
**2**, 6 *Cen litros*: lit. "dúas ou tres metretas". Unha *metreta* é unha medida de 38 a 40 l de capacidade.
**2**, 8 *O mestresala* era o entendido en cuestións gastronómicas. Nas vodas encargábase de que, tanto a comida coma a bebida, estivesen a punto.
**2**, 11 As obras que Xesús fai (**10**, 25) deben constituír para a xente signos acreditativos de que é o mandado do Pai. Por iso pode dicir: se non me credes a min, crede ás obras (**10**, 38; cf **14**, 11). Esas obras fainas o Pai por medio de Xesús (**5**, 36; **14**, 10). Sen embargo, Xesús non se conforma con que as persoas recoñezan simplemente as marabillas que fai: quere que a xente se decate do significado dos signos, de xeito que crean nel (**4**, 53; **6**, 69; **9**, 38; **11**, 40). Esta fe é a que conduce á percepción da gloria de Xesús.

### Xesús en Cafarnaúm

[12]Despois disto baixou a Cafarnaúm, con
súa nai, seus irmáns e mais os seus discípulos, e quedou alí uns poucos días.

### Expulsa os mercadores do templo

[13]Estaba a chegar a Pascua dos xudeus e
subiu Xesús a Xerusalén. [14]Atopou no templo os que vendían bois, ovellas e pombas e mais os cambiadores, sentados; [15]foi el e fixo un vergallo con cordas de xunco, botounos a todos fóra do templo e as ovellas e os bois tamén; guindou cos cartos e virou as mesas dos cambiadores; [16]e aos que vendían as pombas, díxolles:

–Arredádeme de aquí estas cousas, non fagades da casa do meu Pai unha casa de negocio.

[17]Lembráronse os seus discípulos de que estaba escrito: *O celo da túa casa devórame*.
[18]Pola súa parte, os xudeus preguntáronlle:

–Que sinal nos mostras, para faceres estes feitos?

[19]Respondeulles Xesús:

–Derrubade este templo e erguereino en tres días.

[20]Replicáronlle os xudeus:

–Corenta e seis anos levou edificar este templo e halo erguer ti en tres días?.

[21]Pero el dicíao referíndose ao templo do seu corpo. [22]Cando se ergueu de entre os mortos, lembraron os seus discípulos o que dixera e creron na Escritura e no dito de Xesús.

### Fe imperfecta de moitos xudeus

[23]Estando Xesús en Xerusalén pola festa da Pascua, moitos creron nel, vendo os signos que facía. [24]Pero, pola súa parte, Xesús non se fiaba deles, porque os coñecía a todos.
[25]Non precisaba de que ninguén lle dese informacións de ninguén, que ben coñecía el o que había no home.

### Conversa de Xesús con Nicodemo

**3** [1]Había entre os fariseos un home chamado Nicodemo, maxistrado dos xudeus. [2]Este veu onda el pola noite e díxolle:

–*Rabbí*!: sabemos que viñeches de Deus como mestre, pois ninguén pode facer estes signos que ti fas, non sendo que Deus estea con el.

[3]Respondeulle Xesús:

–Con toda verdade cho aseguro: como un

**2**, 12 *Cafarnaúm* era unha vila situada na banda NO do lago de Xenesaret. O seu nome significa "aldea de Nahum", quizais por estar alí sepultado o profeta Nahum.
A expresión *os irmáns de Xesús* vale para designar os parentes do Mestre. Para os semitas, todos os consanguíneos eran *irmáns*. Ao longo da Biblia, atopamos moitas confirmacións dese feito. Así, Nadab e Abihú, fillos de Aharón, son nomeados irmáns de Misael e Elfasán, curmáns carnais de Aharón (Lev **10**, 1-4). Acerca de Lot, chamado "irmán de Abraham" (Xén **13**, 8; **14**, 14-16), sabemos que era fillo de Harán, un dos irmáns de Abraham (Xén **11**, 27). Outro tanto podemos dicir de Betuel pai de Rebeca e Abraham: sendo sobriño e tío pois Betuel era fillo de Nahor (Xén **24**, 24) dise que son *irmáns* (Xén **24**, 27. 47-48), cando o irmán de Abraham era Nahor (Xén **11**, 27). As citas poderían multiplicarse.
E non soamente se chama *irmáns* aos consanguíneos, senón tamén aos membros da mesma tribo (Núm **8**, 26; **16**, 10; **36**, 2), e incluso aos da mesma nación, contrapoñéndoos aos forasteiros (Dt **1**, 16; **15**, 3).
Os evanxelistas, que, aínda que escribiron case todos eles en grego, pensaban coa mentalidade e na lingua dos hebreos, traduciron a palabra *aj* pola grega equivalente *irmán* ("adelfós"), e así temos a expresión *os irmáns de Xesús*, designando os seus parentes.
Mt e Mc dinnos que os devanditos eran Xacob, Xosé, Xudas e Simón, a parte das mulleres (Mt **13**, 55; Mc **6**, 3). Os dous primeiros son fillos doutra María, coñecida como "a nai de Xacob e Xosé" (Mt **27**, 56; Mc **15**, 40), ou "a de Xacob" (Mc **16**, 1); dos outros dous, non se fala máis.
**2**, 13 *A Pascua* celébrase o 15 de *Nisán* (mes de "Abib", ou das espigas). Era o primeiro mes e cae no noso mes de marzo ou abril.

**2**, 14ss Acción simbólica, que fai ver o cumprimento de Zac **14**, 21.
**2**, 17 Son palabras do Sal **69**, 10.
**2**, 19 Como se mostra moitas veces no cuarto evanxeo (**3**, 3. 5; **4**, 10; **11**, 11; **13**, 36), Xesús fala como en enigma, dándolle un sentido máis profundo a expresións que semellaban obvias. No caso presente, sen deixar de facer referencia á destrución do templo material (**2**, 20), anuncia a fin da antiga disposición e o comezo da nova, na que o corpo resucitado de Cristo será o novo templo, o centro de encontro entre Deus e os homes. Deste xeito, Xesús responde con autoridade á petición dos xudeus de que lles dea un signo do seu poder sobre o templo (**2**, 18).
Os fariseos representaban o grupo dos puritanos, dos celosos da Lei. Eles critican a Xesús porque se pon por riba da Lei. Pola súa parte, Xesús condena a hipocrisía, o orgullo e mais o legalismo, así como a cegueira en non o recoñeceren como o mandado de Deus.
**3**, 2 A tebra e mais *a noite* teñen un valor simbólico: representan o ambiente propio do que fai obras ruíns (**3**, 19-21), ou do que camiña sen seguranza (**9**, 4; **11**, 10). Así, cando Xudas se ergueu da mesa e saíu co propósito de entregar a Xesús (**13**, 30), dinos Xn que "era de noite". O sentido que Xn nos quere comunicar é que, deixando a Xesús, que é a Luz, vaise dar na noite, na tebra, no mal. Nicodemo, en troques, foi de noite, pois tiña medo; pero ao ir onda Xesús encontrou a luz, pois foi a ela (**3**, 20-21). Por iso, cando Xesús xa morrera, alí estaba Nicodemo como fillo da luz (cf Xn **19**, 39).
*Rabbí*: palabra aramea que significa "meu Mestre".
**3**, 3 A palabra grega "anozen" significa de novo e de riba. Xesús, a xulgar polo que entende Nicodemo (v. 4), comeza por falarlle dun novo nacemento, para rematar dicíndolle que este nacemento ten que vir de arriba, un renacemento que sexa obra do Espírito.

non naza de novo, non pode ver o Reino de Deus.
4Replicoulle Nicodemo:
–Como pode un home nacer, sendo vello? Pode entrar outra vez no seo da nai e nacer?
5Respondeulle Xesús:
–Con toda verdade cho aseguro: como un non renaza pola auga e o Espírito, non pode entrar no Reino de Deus. 6O que naceu da carne, é carne; e o que naceu do Espírito, é espírito. 7Non che estrañe que eu che dixese: é necesario que vós nazades de novo. 8O vento sopra onde quere e ti séntelo zoar pero non sabes de onde vén nin para onde vai. Así pasa con todo aquel que naceu do Espírito.
9Replicoulle Nicodemo:
–Como se pode facer isto?
10Respondeulle Xesús:
–Ti es mestre de Israel e non o sabes? 11Con toda verdade cho aseguro: falamos do que coñecemos e testemuñamos o que vimos, pero vós non aceptades o noso testemuño. 12Se dicíndovos cousas terreas, non credes, como iades crer dicíndovos cousas celestiais? 13E ninguén subiu ao ceo, fóra do que baixou do ceo, o Fillo do Home. 14Como Moisés alzou a serpe no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, 15para que todo o que cre nel, teña vida eterna. 16Pois de tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna. 17Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. 18O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus. 19Nisto consiste o xuízo: en que, vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, pois as súas obras eran ruíns. 20Pois todo o que fai o mal, odia a luz e non vén cara á luz, para que non o delaten as súas obras. 21Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras porque están feitas como Deus quere.

### Derradeiro testemuño de Bautista

22Despois disto, foi Xesús cos seus discípulos á terra de Xudea, e alí vivía con eles e bautizaba. 23Estaba tamén Xoán bautizando en Ainón, preto de Salén, porque había alí moita auga e viñan moitos a se bautizar 24(pois aínda non meteran a Xoán na cadea).
25Houbo entón unha porfía dos discípulos de Xoán cuns xudeus a propósito da purificación. 26Foron onda Xoán e dixéronlle:
–*Rabbí*!, fíxate, aquel que estaba contigo para alá do Xordán, de quen ti deches testemuño, está bautizando e todos van onda el.
27Xoán contestou:
–Ninguén pode recibir nada, se non lle vén dado do ceo. 28Vós mesmos sodes testemuñas de que eu dixen: "Eu non son o Cristo, senón que me mandaron diante del". 29A esposa tena o esposo; con todo, o amigo do esposo que está presente e o escoita alégrase de todo corazón coa súa voz. Así é a miña alegría, que agora chega ao seu máximo. 30El debe medrar, e eu minguar.

### Xesús completa as palabras de Xoán

31Quen vén de arriba, está por riba de todos; quen é da terra, á terra pertence e da terra fala. O que vén do ceo, está por riba de todos; 32do que viu e oíu, disto dá testemuño; pero ninguén acepta o seu testemuño. 33Quen acepta o seu testemuño, confirma que Deus é verdadeiro. 34Porque aquel a quen Deus mandou, fala as palabras de Deus, que non dá o Espírito cunha medida limitada. 35O Pai ama o Fillo e púxolle todas as cousas nas súas mans. 36Quen cre no Fillo, ten vida eterna; pero quen non obedece ao Fillo non verá a vida, que a ira de Deus pesa enriba del.

**3**, 5 Xesús menta o Bautismo, un bautismo superior ao de Xoán, pois o deste só era de auga.
**3**, 14 Debaixo da palabra grega "Hypsozenai" ("ser alzado"), está o vocábulo arameo "istallaq" ("istelaq"), que ten dobre sentido: *ser alzado*, e *morrer*. Xesús, sen dúbida, pensa tanto na elevación coma na súa morte na cruz. *A serpe* é símbolo de Cristo. Así como ela curaba os feridos de morte no deserto (Núm **21**, 4-9), así Xesús fai sandar aos que cren nel. No libro da Sab (**16**, 7) dáse un paso máis, sinalando que a curación era obra de Deus, e non do que contemplaban. O *Targum Pseudo-Ionatan* dinos que nos chega a saúde cando viramos o noso corazón cara á palabra de Deus. Por iso, crendo en Cristo, Palabra de Deus, elevado na cruz por nós, conseguiremos a plena saúde, a salvación que vén de Deus.
**3**, 19 *O xuízo*, nos escritos de Xoán, ten o sentido dunha obra merecente de condena. A dos xudeus Xesús refírese máis ben aos dirixentes do pobo foi ter unha actitude tan ruín que, tendo a Cristo como luz, preferiron seguir os propios malos camiños.
**3**, 29 Xoán considérase o amigo do esposo.
**3**, 33 Se Xesús nos fala do que lle mandou o Pai e aceptamos o seu testemuño, estamos fiándonos de Deus, proclamando a súa veracidade.
**3**, 34 *Non... medida limitada*. Os profetas e o Bautista tiñan parte no Espírito; pero Xesús ten a plenitude: por iso pódeo dar sen medida e por iso as palabras que El fala son de Deus.

### Xesús deixa a Xudea

**4** [1]Xesús decatouse de que os fariseos oíran
que el facía máis discípulos e bautizaba
máis ca Xoán [2](aínda que a verdade era que
non bautizaba Xesús mesmo senón os seus
discípulos). [3]Entón deixou a Xudea e partiu
outra vez para Galilea.

### Conversa de Xesús coa Samaritana

[4]Necesitaba pasar pola Samaria. [5]Chegou,
logo, a unha cidade da Samaria chamada Si-
car, preto do terreo que lle deixara Xacob ao
seu fillo Xosé. [6]Estaba alí o pozo de Xacob. E
Xesús, canso do camiño, sentou onda o pozo.
Era ao pé do mediodía. [7]Chegou unha muller
da Samaria sacar auga. E Xesús díxolle:

–Dáme de beber. [8](Os seus discípulos fo-
ran á vila, mercar comida).

[9]Preguntoulle entón a muller samaritana:

–Como é que ti, sendo xudeu, me pides
a min, muller samaritana, que che dea de
beber? (Porque os xudeus non se levan cos
samaritanos).

[10]Respondeulle Xesús:

–Se coñeceses o don de Deus e quen é o
que che di: "Dáme de beber", ti mesma lle
pedirías a el e el daríache auga viva.

[11]Replicoulle a muller:

–Señor, se ti nin sequera tes caldeiro e o
pozo é fondo, de onde pensas quitar esa auga
viva? [12]Seica es ti máis ca o noso pai Xacob,
quen nos deu este pozo, do que beberon el,
seus fillos e mais o seu gando?

[13]Xesús contestoulle:

–Todo o que bebe auga desta, terá sede
outra vez; [14]pero o que beba da auga que eu
lle darei, nunca mais terá sede: a auga que eu
lle darei, converterase dentro del nunha fonte
que saltará ata a vida eterna.

[15]A muller suplicou:

–Señor, dáme, logo, desa auga para non
ter sede nin ter que vir aquí sacala.

[16]Díxolle Xesús:

–Vai chamar polo teu marido e volve aquí.

[17]A muller contestou:

–Non teño marido.

Xesús díxolle:

–Falaches ben, dicindo: "Non teño mari-
do"; [18]pois tiveches cinco homes e o que tes
agora non é teu marido. Desta si que falaches
a verdade.

[19]A muller respondeu:

–Señor, vexo que ti es profeta. [20]Os nosos
pais adoraron neste monte e vós dicides que
é en Xerusalén onde hai que adorar.

[21]Xesús díxolle:

–Faime caso, muller: chega a hora en que
nin neste monte nin en Xerusalén adoraredes
o Pai. [22]Vós adorades o que non coñecedes;
nós adoramos o que coñecemos, pois a sal-
vación vén dos xudeus. [23]Pero chega a hora
–e xa é agora– en que os verdadeiros ado-
radores adorarán o Pai en espírito e verdade,
pois eses son os adoradores que o Pai busca.
[24]Deus é espírito e cómpre que os que o ado-
ran, o adoren en espírito e verdade.

[25]Respondeu a muller:

–Sei que está para vir o Mesías, o chama-
do Cristo. Cando el veña, hanos aclarar todo
iso.

[26]Díxolle Xesús:

–Son eu!, o que está falando contigo.

[27]Nisto chegaron os seus discípulos e cha-
moulles a atención que falase cunha muller.
Pero ningún lle preguntou: Que pretendes?,
ou de que falas con ela? [28]Entón, deixando
a muller o seu cántaro, foi á vila e díxolles
aos veciños:

**4**, 5 *Sicar* queda na Samaria, á baixada dos montes Garizim e Ebal, preto da actual Xequem. En Sicar existe un pozo, que nos tempos de Xesús se relacionaba con Xacob (**4**, 12).

**4**, 6 *Mediodía*: lit. "a hora sexta".

**4**, 7 *Dáme de beber*, alude ás palabras paralelas de Eliezer a Rebeca en Paddam-Aram (Xén **24**, 14).

**4**, 9 Aos samaritanos non os deixaran os xudeus participar na reconstrución do templo á volta do desterro. No s. IV separáronse totalmente dos xudeus, establecendo como lugar de culto un templo situado no monte Garizim. Os xudeus consideráronos cismáticos e, na guerra que librou Xoán Hircano no s. II contra os seléucidas, destruíron o templo do monte Garizim. Por todas esas circunstancias, xudeus e samaritanos non se levaban (cf Lc **9**, 52-56, e a Introd. ao N. T., 2.e.5).

**4**, 14 O relato da conversación de Xesús coa samaritana ten en conta a tradición targúmica, onde se di que, aínda que o pozo de Xacob era fondo, a auga veu para arriba e Xacob puido sacala durante os vinte anos que pasou en Harrán. Dun xeito semellante, estando Xesús en Sicar, sen ter con que sacar auga, díxolle á samaritana que podía darlle auga viva (**4**, 10), facéndose nela unha fonte que deitara ata a vida eterna (**4**, 14). Faise plena realidade en Xesús o que en Xacob era só unha figura. A auga da vida será tema de Xesús outra vez na festa das Cabanas (**7**, 37-39).

**4**, 20 Refírese ao monte Garizim.

**4**, 23 A adoración en espírito equivale a unha actitude relixiosa independente dun lugar determinado, sexa este o templo ou unha montaña; dependente, en cambio, do Espírito, polo que rendemos ao Pai a veneración que merece. A adoración en verdade leva consigo unha fondura interior, que supera o culto oficial; algo que non se queda en exterioridades e que é froito do Espírito.

**4**, 25 *O Mesías* que agardaban os samaritanos era de tipo profético (cf Dt **18**, 15. 18ss): esperaban del que lles mostrase a verdade. Chamábanlle "ta'eb".

**4**, 26 Xesús declárase abertamente como o Mesías esperado por todos, mesmo polos samaritanos.

29–Vide ver un home que me dixo todo
canto eu fixen. Non será el o Mesías?
30Eles saíron da vila e viñeron onda el.
31Mentres, os seus discípulos insistíanlle:
–*Rabbí*, come!
32Mais el díxolles:
–Eu teño para xantar unha comida que vós
non sabedes.
33Dicíanse entón os discípulos, uns aos
outros:
–Traeríalle alguén de comer?
34Xesús díxolles:
–A miña comida é facer a vontade daquel
que me mandou e levar ao remate a súa obra.
35Non dicides vós que aínda faltan catro me-
ses para que chegue a seitura? Ben, pois mi-
rade o que vos digo: erguede os vosos ollos
e veredes que os campos están brancos para
a seitura. 36O que sega recibe a paga e reco-
lle froito para a vida eterna; de xeito que se
alegran tanto quen sementa coma quen sega.
37Pois nisto é verdadeiro o dito de que "un
é quen sementa e outro quen recolle". 38Eu
mandeivos recoller o que vós non traballas-
tes: outros traballaron e vós recollestes o
froito do seu traballo.
39Moitos samaritanos daquela vila creron
nel, pola palabra da muller, que declaraba:
–Díxome todo canto eu fixen.
40Por iso os samaritanos chegados onda el,
rogábanlle que quedase con eles; e quedou
alí dous días. 41E creron aínda moitos máis
polo que el lles dixo. 42Dicíanlle despois á
muller:
–Xa non cremos polo que ti nos dixeches:
nós mesmos o escoitamos e sabemos que este
é de verdade o Salvador do mundo.

### Xesús en Caná: curación do fillo dun oficial

43Pasados os dous días, saíu de alí para
Galilea 44(pois o mesmo Xesús afirmara que
ningún profeta é honrado na súa patria).
45Entón, cando chegou a Galilea, fórono
esperar os galileos, pois, como tamén eles
foran á festa, viran todo canto el fixera en
Xerusalén ese día. 46Volveu así de novo a
Caná de Galilea, onde cambiara a auga en
viño.
Había en Cafarnaúm un funcionario que
tiña o fillo enfermo. 47Oíndo que Xesús viña
da Xudea cara a Galilea, foino esperar, e ro-
gáballe que baixase a curar o seu fillo, que
estaba á morte. 48Díxolle entón Xesús:
–Se non vedes sinais e prodixios, non cre-
des.
49O funcionario insistiu:
–Señor, baixa antes de que morra o meu
meniño.
50Xesús contestoulle:
–Vaite, o teu fillo vive!
O home creu na palabra que lle dixera Xe-
sús e foise. 51E, cando xa el baixaba, saíronlle
ao encontro os seus servos, para lle dicir que
o neno xa se puxera ben. 52Entón preguntou-
lles a que hora empezara a notar a melloría.
Eles respondéronlle:
–Onte, a iso da unha, baixoulle a febre.
53Decatouse entón o pai de que aquela fora
a hora na que lle dixera Xesús: "O teu fillo
vive"; e creu el e mais toda a súa familia.
54Este segundo signo fíxoo Xesús cando vol-
vía da Xudea para Galilea.

### Curación do paralítico da piscina

**5** 1Despois disto había unha festa dos
xudeus. E Xesús subiu a Xerusalén. 2Hai
en Xerusalén, onda a Porta das Ovellas, unha
piscina, chamada en hebreo Bezsazá, que ten
cinco pórticos. 3Neles había unha chea de en-
fermos, cegos, coxos, tolleitos, agardando o
movemento da auga, 4(pois de vez en cando
baixaba un anxo á piscina e remexía a auga;
entón, o primeiro que entrase despois da axi-
tación da auga, quedaba curado de calquera
mal que tivese). 5Había alí un home que le-
vaba trinta e oito anos enfermo. 6Xesús, ao
velo deitado e sabendo que levaba xa moito
tempo, preguntoulle:
–Ti queres quedar san?
7Respondeulle o enfermo:

**4**, 34 É tal o amor de Xesús ao Pai, que cumpre a súa vontade, dirixida ao beneficio das persoas, aínda que o leve a prescindir das súas máis elementais necesidades.
**4**, 35 *Os campos están brancos para a seitura:* Xa chegou o momento da plena revelación.
**4**, 46 O segundo signo faino Xesús en Caná de Galilea, coma o primeiro (cf **4**, 46-54).
**4**, 52 *A iso da unha:* lit. "á hora sétima".
**4**, 54 De feito xa chegara á Galilea, e ía de camiño para o sitio onde vivía case sempre.
**5**, 1 Eran tres as principais *festas* no antigo Israel: a dos Ácimos, a das Semanas e a das Cabanas ou Tendas (Éx **23**, 14-17; **34**, 22), as tres de labradores (cf Introd. ao N. T., 2. d).
A festa á que se refire o texto de Xn **5**, 1, probablemente sexa a das Semanas ou Pentecoste.
**5**, 2 Situada ao norte da praza do templo, *a piscina de Bezsazá* tiña desde o s. II a. C. dúas grandes covas, onde se xuntaba a auga da chuvia, que despois se empregaba para o servizo do templo.
Da *Porta das Ovellas* fálase no libro de Nehemías como construída polos sacerdotes á volta do exilio (Neh **3**, 1), baixo a supervisión do gobernador Nehemías.
**5**, 3 Bastantes especialistas neste evanxeo consideran o texto que vai desde a palabra "agardando" ata o remate do v. 4, como non orixinal, aínda que sexa un texto canónico.

–Señor, eu non teño a ninguén que me
bote na piscina cando se remexe a auga; e,
mentres eu veño, sempre baixa outro máis
axiña ca min.
8Xesús díxolle:
–Érguete, colle o teu leito e anda!
9No intre púxose bo aquel home, colleu a
súa padiola e botou a andar. Pero aquel día
era sábado. 10Entón dicíanlle os xudeus ao
que quedara curado:
–É sábado, non tes dereito a levar o leito!
11Mais el respondeulles:
–O que me curou, díxome el mesmo: "Co-
lle o teu leito e anda!".
12Eles preguntáronlle:
–Quen é o home que che dixo: "Cólleo e
anda"?
13Pero o curado non o sabía, pois Xesús
escapara do xentío que había naquel sitio.
14Máis tarde atopouno Xesús no templo e
díxolle:
–Mira que estás san; non volvas pecar,
para que non che veña algo peor.
15Foise o home e contoulles aos xudeus
que fora Xesús quen o curara.

**As razóns polas que actúa Xesús**

16Por este motivo os xudeus perseguían
a Xesús, por facer estas cousas en sábado.
17Xesús replicoulles:
–Meu Pai ata o presente está sempre a tra-
ballar, e eu tamén traballo.
18Por iso os xudeus tiñan máis interese en
matalo, porque non só violaba o sábado, se-
nón que dicía que Deus era seu Pai, facéndo-
se a si mesmo igual a Deus. 19Xesús saíulles
ao paso, dicindo:
–Con toda verdade volo aseguro: o Fillo
non pode facer en por si nada, só o que lle ve
facer a seu Pai. O que este fai, faino tamén o
Fillo, 20pois o Pai ama ao Fillo, e móstralle
todas as cousas que el fai, e mostraralle obras
meirandes ca estas, para que vos pasmedes.
21Pois, así como o Pai resucita os mortos e
lles dá vida, así tamén o Fillo dá vida aos
que el quere. 22Pois nin sequera o Pai xulga
a ninguén, senón que delegou no Fillo todo
o poder de xulgar, 23para que todos honren o
Fillo como honran o Pai. O que non honra o
Fillo, non honra o Pai, que o mandou. 24Dí-
govos a verdade: quen escoita a miña palabra
e cre no que me mandou, ten vida eterna e
non comparecerá a xuízo, senón que pasará
da morte á vida.
25Con toda verdade volo aseguro: chega
a hora ou, mellor dito, xa é esta a hora en
que os mortos escoitarán a voz do Fillo de
Deus, e os que a escoiten vivirán. 26Pois así
como o Pai ten vida en si mesmo, así tamén
lle deu ao Fillo ter vida en si mesmo; 27e deu-
lle tamén poder para xulgar, pois é o Fillo do
Home. 28Non vos pasme isto, porque chega o
momento en que todos os que están nos se-
pulcros escoitarán a súa voz; 29e sairán os que
fixeron o ben a unha resurrección de vida, e
os que obraron o mal a unha resurrección de
condena.

**Testemuños en favor de Xesús**

30Eu nada podo facer pola miña conta:
conforme oio, xulgo, e o meu xuízo é xusto,
porque non procuro a miña vontade senón
a vontade de quen me mandou. 31Se eu fose
testemuña en causa propia, o meu testemuño
non tería validez. 32Pero é outro o que teste-
muña a favor de min e eu sei que é válido o
testemuño que dá de min.
33Vós mandastes xente a preguntarlle a
Xoán e el deu testemuño da verdade. 34Non
é que eu apele ao testemuño dos homes, pero
lémbrovos isto pola vosa salvación. 35Xoán
era o facho que ardía e alumaba, e vós qui-
xestes gozar un instante da súa luz. 36Pero eu
teño un testemuño máis importante ca o de
Xoán, pois as obras que o Pai me encargou
de levar a cabo, esas obras que eu fago, teste-
muñan que o Pai me enviou. 37E o Pai, que
me mandou, dá testemuño en favor de min.
Pero vós nin oístes nunca a súa voz, nin vis-
tes o seu rostro, 38e tampouco conservades a

**5**, 10 A palabra *sábado*, procedente do verbo hebreo "xabbat", significa "descanso". O sábado é para os xudeus un día consagrado ao Creador. (cf Introd N. T., 2. d. 6). Para os cristiáns o "día de sábado" (día de descanso) é o domingo, por celebrar a resurrección do Señor, acontecida no primeiro día da semana.
**5**, 14 *O mal*, en xeral, é consecuencia do pecado, aínda que non sempre (cf **9**, 1-2).
**5**, 16 Os xudeus perseguían a Xesús por curar en sábado. O Mestre defendía a tese de que o sábado estaba en función do home, máis ben que o home en función do sábado.
**5**, 18 Xesús, segundo o evanxelista, defínese como *Fillo de Deus*. Por iso o acusan de blasfemo e, como tal, quéreno condenar.
**5**, 24 *Xuízo* ten aquí, como no v. 29, o sentido que adoita darlle Xoán: o de condena.
**5**, 27 Xa no libro de Dn (**7**, 13. 22) e mais nalgúns apócrifos do A. T. se lle atribuía ao Fillo do Home esa potestade que aquí Xesús reclama para si (cf Xn **5**, 22).
**5**, 34 Aínda que Xoán o Bautista dá testemuño en favor de Xesús, ese testemuño, comparado co do Pai, pouco é. Xesús prefire apoiarse no que dá o Pai, encomendándolle unhas obras que falan por si mesmas.
**5**, 38 Permanecendo na palabra que Deus comunica por Xesús, conséguese a liberdade e a salvación: non hai máis camiño ca ese.

súa palabra en vós, porque non credes naquel que El enviou. [39]Escrutade as Escrituras, pois ensinades que tedes nelas vida eterna: pois elas son as que testemuñan a meu favor; [40]e non queredes vir a min, e así ter vida.

[41]Non é que eu espere gloria dos homes; [42]pero ben me decato de que vós non tedes dentro o amor de Deus. [43]Eu veño no nome do meu Pai e non me recibides; se outro vén no seu propio nome, a ese habédelo recibir. [44]Como ides poder crer vós, que vos dades honra os uns aos outros e non procurades a gloria que vén do único Deus? [45]Non coidedes que vos hei acusar ao Pai: quen vos acusa é Moisés, ese no que vós tedes a esperanza. [46]Pois se vós lle crerades a Moisés, habiades crer tamén en min, xa que de min escribiu el. [47]Mais se non fiades nos seus escritos, como ides crer nas miñas palabras?

### Multiplicación do pan e dos peixes

**6** [1]Despois disto foi Xesús á outra banda do mar de Galilea (ou de Tiberíades). [2]Seguíao unha chea de xente, porque viran os sinais que facía nos enfermos. [3]Subiu Xesús ao monte e sentou alí cos seus discípulos. [4]Estaba a chegar a Pascua, a festa dos xudeus. [5]Levantou a vista Xesús e, vendo vir tanta xente cara a el, díxolle a Felipe:

–Onde imos mercar pan, para que coma esta xente? [6](Isto dicíao para tantealo, que el ben sabía xa o que ía facer).

[7]Respondeulle Felipe:

–Nin medio ano de xornal chega para que cada un deles reciba un codelo.

[8]Un dos seus discípulos, André, o irmán de Simón Pedro, díxolle:

[9]–Hai aquí un rapaz que ten cinco bolos de pan de cebada e dous peixes; pero que é iso para tantos?

[10]Xesús ordenou:

–Facede sentar a xente!

Había moita herba naquel sitio. E sentaron coma uns cinco mil homes. [11]Entón colleu Xesús os pans e, dando grazas, repartiu aos sentados canto quixeron e o mesmo os peixes. [12]Cando se fartaron, díxolles aos seus discípulos:

–Recollede os anacos sobrantes, para que non se estrague nada.

[13]Entón xuntáronos e encheron doce cestas cos anacos dos cinco bolos de pan de cebada, que lles sobraran aos que comeron. [14]Ao veren aqueles homes o sinal que fixera, dicían:

–Este si que é o profeta que había de vir ao mundo!

[15]Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para o proclamar rei, retirouse outra vez ao monte el só.

### Xesús camiña sobre o mar

[16]Como xa caera a tarde, baixaron os seus discípulos ao mar, [17]e, montando nun bote, dirixíanse cara á outra beira, a Cafarnaúm. Xa era noite pecha e Xesús aínda non chegara onda eles. [18]O mar empezouse a picar, porque ventaba rexo. [19]Despois de levaren vogado unhas tres millas, viron a Xesús camiñando por riba do mar e, conforme se ía achegando ao bote, empezaron a coller medo. [20]Pero el díxolles:

–Son eu, non teñades medo!

[21]Entón querían facer subir ao bote, pero naquel instante o bote quedou varado no sitio onde ían.

### O discurso do pan da vida

[22]O día seguinte, a xente que quedara na outra banda do mar, decatouse de que alí non había máis ca un bote, e que Xesús non montara nel cos seus discípulos, senón que estes marcharan sos. [23]Nisto chegaron algúns botes de Tiberíades, de cerca do sitio onde comeran o pan despois de o Señor dar grazas a Deus. [24]Así que, en vendo a xente que Xesús non estaba alí, nin tampouco os seus discípulos, montaron nos botes e chegaron a

**5**, 47 Se non cren no que di a Escritura, recoñecida por eles como palabra de Deus, como ían crer nel, a quen non recoñeceron nin sequera como "celoso da Lei"?

**6**, 1 *O lago de Xenesaret*, de Tiberíades ou mar de Galilea, atópase nesta última rexión. Na súa beira foi onde Xesús despregou a meirande parte da súa actividade. Tiberíades, Cafarnaúm, Corozaín e Betsaida, eran vilas situadas nas inmediacións do lago de Tiberíades.

**6**, 4 *A Pascua*: cf nota a **5**, 1.

**6**, 7 *Medio ano de xornal:* lit. "douscentos denarios de pan". O denario era unha moeda de prata, acuñada polos romanos, e que se utilizaba entón en Palestina (cf Lc **20**, 24), por depender de Roma.

**6**, 14 Estaba anunciado que había vir un profeta semellante a Moisés (Dt **18**, 15. 28; cf nota a **4**, 25). Estes galileos identifícano co Mesías e recoñéceno en Xesús, pois El facía os sinais que se esperaban do personaxe anunciado.

**6**, 19 *Tres millas*: lit. "vinte e cinco ou trinta estadios". A equivalencia dun estadio é duns 190 m. O lago mide 25x11 km.

**6**, 20 *Son eu*: lit. "Eu son". Traduce á expresión hebrea "Eu son Iavé" (Éx **3**, 14; Is **43**, 25; **45**, 18; Os **13**, 4; Xl **2**, 27). No contexto ten o sentido da presenza benévola de Deus.

**6**, 23 *Tiberíades* referíase no v. 1 ao lago. Aquí non alude ao lago, senón á cidade de Tiberíades, situada á beira do lago que leva o seu nome.

Cafarnaúm buscando a Xesús. 25Atopárono
na outra banda do mar e dixéronlle:
–*Rabbí*, cando chegaches aquí?
26Xesús contestoulles:
–Con toda verdade volo aseguro: buscádesme non porque vistes sinais, senón porque comestes pan ata vos fartar. 27Traballade non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna, o que vos dará o Fillo do Home: pois el é a quen o Pai Deus marcou co seu selo.
28Eles preguntáronlle:
–Que temos que facer para realizar as obras de Deus?
29Respondeu Xesús:
–Esta é a obra de Deus: que creades naquel que El mandou.
30Replicáronlle:
–Que sinal fas ti, para que véndoo creamos en ti? Que podes facer? 31Os nosos pais comeron o maná no deserto, conforme está escrito: *Deulles a comer pan do ceo*.
32Entón díxolles Xesús:
–Con toda verdade volo aseguro: non foi Moisés quen vos deu o pan do ceo; meu Pai é quen vos dá o verdadeiro pan do ceo, 33pois o pan de Deus é o que baixa do ceo e dá vida ao mundo.
34Dixéronlle entón:
–Señor, dános sempre dese pan!
35Xesús respondeulles:
–Eu son o pan da vida: quen vén onda min, non pasará fame, e quen cre en min endexamais non terá sede. 36Pero xa vos dixen que, aínda que vistes, non credes. 37Todos os que o Pai me entregou, virán onda min; e a quen vén onda min, non o botarei fóra, 38pois eu baixei do ceo non para facer a miña vontade, senón a vontade daquel que me mandou. 39Esta é a vontade daquel que me mandou: que non perda a ningún dos que me entregou, senón que os resucite no derradeiro día. 40Esta é, polo tanto, a vontade do meu Pai: que todo aquel que ve ao Fillo e cre nel, teña vida eterna, e eu resucitareino no derradeiro día.
41Entón os xudeus comezaron a murmurar del, porque dixera: "Eu son o pan que baixou do ceo", 42e dicían:
–Non é este Xesús, o fillo de Xosé? Non lle coñecemos o pai e mais a nai? Como di, logo: "Eu baixei do ceo"?
43Xesús respondeulles:
–Non esteades aí a murmurar. 44Ninguén pode vir onda min se non o trae o Pai que me mandou, e eu resucitareino no derradeiro día. 45Está escrito nos Profetas: *Todos serán ensinados por Deus*. Todo aquel que escoita ao Pai e aprende, vén onda min. 46Non porque vise ao Pai alguén, se non o que estaba onda Deus ese viu ao Pai. 47Con toda verdade volo aseguro: quen cre, ten vida eterna. 48Eu son o pan da vida. 49Os vosos pais comeron o maná no deserto, pero morreron. 50Este é o pan que baixa do ceo, para que quen coma del non morra. 51Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo.
52Discutían entón entre eles os xudeus:
–Como pode este darnos a comer a súa carne?
53Díxolles entón Xesús:
–Con toda verdade volo aseguro: se non comedes a carne do Fillo do Home e non bebedes o seu sangue, non teredes vida en vós. 54Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. 55Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebi-

**6**, 31 Alusión ao que se describe en Éx **16**, 4s e Sal **78**, 24.
**6**, 35-50 O discurso do pan da vida: Xesús, que utiliza unha vez máis a fórmula divina, identifícase co pan do ceo, que dá o Pai e que lles convén a eles. Anuncia así a Eucaristía en termos que xa se aplicaron en certo modo á Sabedoría (Pr **9**, 1s), e que Xn, continuando a tendencia a personificar a Sabedoría, aplica a Cristo (**1**, 1).
**6**, 40 Para Xn non abonda con mirar para o Fillo na vida pública, pois pódese mirar para El e non crer, non recoñecelo. É necesario darlle o asentimento da fe, crer nel. Esa fe, que é froito da graza de Deus, coa cooperación do home, é a que conduce á resurrección.
**6**, 42 Os xudeus non recoñeceron a Xesús como o Mesías esperado, pois coidaban que o Mesías había de caer do ceo, sendo asistido polos anxos de Deus (Sal **91**, 11-12; cf Mt **4**, 6). En troques, Xesús nacera nunha familia que tiña por cabeza a Xosé.
**6**, 44 Á acción de Deus, que nos atrae cara a El, ha responder a acción da persoa que acepta. Polo menos nos tempos mesiánicos, non hai persoa que non sexa chamada por Deus (v. 45). Por iso basta escoitar o Pai e darlle o asentimento do corazón e iremos dar a Cristo.
**6**, 45 *Todos serán ensinados por Deus:* Alusión a Is **54**, 13 e Xer **31**, 33-34.
**6**, 50 Xesús compara os froitos de comer o seu pan cos de comer o maná e compara o seu pan co maná. O pan que ha dar Xesús é logo unha verdadeira comida, algo real, e material. Se no prefacio do discurso falaba Xesús do pan da palabra (vv. 32-33), nos vv. 51-59 refírese á súa propia carne. É tal o realismo con que o di, que os seus interlocutores escandalízanse e moitos abandónano, por non concibir como poderían comer a súa carne (**6**, 52. 60-61. 66-69).
**6**, 51 Os vv. 51-59 tratan do discurso do pan da vida, referido á Eucaristía. Nótese que Xn non inclúe no evanxeo a narración da institución da Eucaristía.

da. [56]Quen come a miña carne e bebe o meu
sangue, permanece en min e eu nel. [57]Coma
o Pai, que me mandou vive e eu vivo polo
Pai, así tamén quen me coma vivirá por min.
[58]Este é o pan que baixou do ceo: non como
comeron os pais, que morreron, quen come
este pan vivirá para sempre.

[59]Dixo estas cousas ensinando na sinago-
ga, en Cafarnaúm. [60]Cando tal oíron, moitos
dos seus discípulos dixeron:

–Que dura é esta doutrina! Quen pode so-
portar tal cousa?

[61]Comprendendo Xesús que os seus discí-
pulos murmuraban do asunto, díxolles:

–Escandalízavos iso? [62]E logo se visedes o
Fillo do Home subindo a onde estaba antes?
[63]O espírito é quen dá vida, a carne non vale
para nada: as palabras que eu vos falei, son
espírito e son vida. [64]E, aínda así, hai algúns
de vós que non cren.

Pois ben sabía Xesús desde o principio
quen eran os que non crían e mais quen o ha-
bía de entregar. [65]E proseguiu:

–Por iso téñovos dito que ninguén pode
vir a min, se non llo concede o Pai.

[66]Desde aquela, moitos dos seus discípulos
botáronse para atrás, e xa non andaban con
el. [67]Preguntoulles entón Xesús aos Doce:

–E vós tamén vos queredes ir?

[68]Respondeulle Simón Pedro:

–Señor: e onda quen imos ir? Ti tes pala-
bras de vida eterna, [69]e nós cremos e recoñe-
cemos que ti es o Santo de Deus.

[70]Xesús dixo aínda:

–Non vos escollín eu aos Doce? E mais un
de vós é un satán. [71](Falaba de Xudas, o de
Simón o Iscariote, pois este, mesmo sendo un
dos Doce, habíao de entregar).

### Incredulidade dos parentes de Xesús

**7** [1]E despois disto, andaba Xesús pola
Galilea, e non quería andar pola Xudea,
porque os xudeus queríano matar. [2]Estaba a
chegar a festa dos xudeus chamada das Ca-
banas. [3]Dixéronlle entón seus irmáns:

–Sae de aquí e vai para Xudea, para que
tamén os teus discípulos vexan as obras que
fas; [4]porque quen quere ser famoso non actúa
ás agachadas. Se fas esas cousas, móstrate ao
mundo. [5](Era visto que nin seus irmáns crían
nel).

[6]Xesús contestoulles:

–O meu tempo aínda non chegou, pero o
voso sempre está á man. [7]Non pode o mun-
do aborrecervos a vós; pero a min aborré-
ceme, porque eu testemuño contra el que as
súas obras son ruíns. [8]Subide vós á festa:
eu non subo, que aínda non chegou o meu
tempo.

[9]Despois desta conversa quedou na Ga-
lilea. [10]Pero cando seus irmáns xa subiran á
festa, entón tamén el subiu, non manifesta-
mente, senón en secreto.

### Xesús na festa das Cabanas

[11]Entón os xudeus buscábano na festa, e
dicían:

–Onde está ese?

[12]E polo baixo a xente falaba moito del.
Uns dicían:

–É un bo home.

Outros, ao revés:

–Nada, nada: é un impostor.

[13]Mais ninguén falaba del en público, por
medo aos xudeus. [14]A iso da metade da festa,
subiu Xesús ao templo e púxose a ensinar.
[15]Admirábanse entón os xudeus, dicindo:

–Como é que este sabe todo o que sabe
sen estudalo?

[16]Respondeulles Xesús:

–A miña doutrina non é miña, senón da-
quel que me mandou. [17]Se alguén quere facer
a vontade de Deus, distinguirá se esta dou-
trina vén de Deus ou se é que eu falo pola
miña conta. [18]Quen fala pola súa conta, busca
a propia gloria; polo contrario, quen procura
o prestixio de quen o mandou, ese é veraz e
non hai inxustiza nel. [19]Non vos deu Moisés a
Lei? E, con todo, ningún de vós a garda. Por
que me queredes matar?

[20]Respondeu a xente:

–Seica tes o demo! Quen te quere matar
a ti?

[21]Xesús replicou:

**6**, 57 *Quen me coma vivirá por min:* O sentido da expresión é que, igual que o Pai o Deus vivo lle deu ao Fillo ter vida, do mesmo xeito o Fillo aos que o coman concédelles ter unha vida semellante á do Pai e á de Xesús.
**6**, 69 Os apóstolos recoñecen en Xesús o "Santo de Deus", de quen se dixera no A. T., entre outras cousas, que non podía quedar na tumba, senón que había de resucitar (Feit **2**, 27; cf Sal **16**, 10).
**7**, 2 *A festa das Cabanas* (cf Introd. N. T., 2. d. 3).
**7**, 3 Temos outra vez en escena os irmáns de Xesús. Ver nota a **2**, 12.
**7**, 8 *Subir á festa*, é unha expresión baseada na realidade xeográfica: para ir a Xerusalén, hai que subir.
**7**, 14 *Subir ao templo*: tamén o templo estaba máis elevado. Quizais por iso, e por ter que subir os chanzos para acceder á porta, e mais ás bancadas, para chegar ao altar, se utilice a expresión subir a ofrecer sacrificios.

–Fixen unha obra só, e todos vos marabillades. [22]Vexamos, logo, unha cousa. Moisés deuvos a circuncisión (que, ben mirado, non vén de Moisés, senón dos Pais) e, aínda que sexa sábado, vós circuncidades un home. [23]E se circuncidades un home en sábado, sen quebrantardes a Lei de Moisés, como é que vos alporizades comigo, porque curei en sábado a un home enteiro? [24]Non xulguedes pola aparencia, non: xulgade conforme á xustiza.

[25]Algúns dos habitantes de Xerusalén comentaban:

–Non é a este ao que lle trataban de dar morte? [26]Pois mira como fala á vista de todo o mundo e mais non lle din nada. Será que de verdade as autoridades chegaron a recoñecer que el é o Mesías? [27]O caso é que este sabemos de onde é, mentres que o Mesías, cando veña, ninguén saberá de onde é.

[28]Gritou entón Xesús, mentres ensinaba no templo:

–Así que a min coñecédesme e sabedes de onde son? Pois non vos vin pola miña conta: a min mandoume o Veraz, a quen vós non coñecedes. [29]Eu coñézoo, que de onda El son e foi El quen me mandou.

[30]Daquela trataban de prendelo; pero ninguén lle botou man: aínda non chegara a súa hora. [31]Moita xente creu nel, e dicía:

–E o Mesías, cando veña, fará máis sinais ca este?

[32]Oíron os fariseos que o pobo andaba nestes falares e entón eles e mais os xefes dos sacerdotes mandaron gardas para o prenderen. [33]Dixo entón Xesús:

–Aínda estarei un pouquiño máis entre vós, e despois voume onda Aquel que me mandou. [34]Buscar buscarédesme, pero non me encontraredes, pois onde eu estea, vós non poderedes vir.

[35]Dixéronlles uns xudeus a outros:

–Para onde irá este, que non o poidamos atopar? Irá quizais para onda os emigrantes en terras dos gregos, predicarlles a eles? [36]Que significará iso que dixo: "Buscar, buscarédesme, pero non me encontraredes, e onde estea eu, vós non poderedes vir?".

[37]No derradeiro día, o máis grande da festa, púxose Xesús de pé, e gritou:

–Se alguén ten sede, que veña onda min, e beba quen cre en min. [38]Como di a Escritura, deitaranlle do seu ventre regueiros de auga viva. [39](Isto dicíao do Espírito que habían recibir cantos creran nel: pois daquela non había Espírito, porque Xesús non fora aínda glorificado).

[40]Cando oíron isto, algúns de entre a xente, dicían:

–Este é verdadeiramente o Profeta.

[41]Outros:

–Este é o Mesías.

Outros, en cambio, dicían:

–Pero é que o Mesías vai vir da Galilea? [42]Non di a Escritura que o Mesías ha vir *da semente de David, e de Belén*, a vila de onde era David?

[43]E houbo división no pobo, por causa del. [44]Algúns queríano prender, pero ninguén lle puxo enriba as mans. [45]Foron entón os gardas onda os xefes dos sacerdotes e os fariseos. Eles preguntáronlles:

–Por que non o trouxestes?

[46]Responderon os gardas:

–Endexamais falou ninguén coma este home.

[47]Respondéronlles os fariseos:

–Seica vos engaiolou tamén a vós? [48]Vistes que algún dos maxistrados ou dos fariseos crese nel? [49]Non. E a xente esa, que non coñece a Lei, son uns malditos.

[50]Un deles, Nicodemo, o que fora primeiro onda el, dixo:

[51]–Desde cando a nosa Lei xulga a un home sen antes escoitalo e investigar o que fixo?

[52]Respondéronlle:

–Tamén ti es da Galilea? Pois estuda e verás como da Galilea non sae profeta ningún.

**7**, 22 *Os Pais* son os patriarcas. *A circuncisión* é un dos preceptos da Lei de Moisés, pero xa se prescribía desde os tempos de Abraham (Xén **17**, 9-14).

**7**, 23 Se a circuncisión, tanto desde o punto de vista hixiénico coma espiritual, se encamiñaba a procurar a saúde e se podía facer en sábado, conceder a saúde total a unha persoa, deberíase poder facer tamén en sábado.

**7**, 37 As palabras de Xesús, aplicándose a si mesmo o cumprimento de Pr **13**, 14 e **18**, 4, teñen especial incidencia no momento en que as pronunciou. Na festa das Cabanas facíanse libacións de auga, dando grazas a Deus pola colleita e pedindo chuvia para a próxima sementeira (cf Introd. N. T., 2. d. 3). Xesús ofrece a auga da salvación (cf **4**, 10. 13-15).

**7**, 39 *Aínda non había Espírito:* non o había dun xeito permanente. Darase cando a Xesús o ergan da terra e o traspase a lanza do soldado (**12**, 27-32; **19**, 34. 37).

**7**, 42 *A vinda de Cristo* estaba anunciada no A. T. (Is **11**, 1; Xer **23**, 5; Miq **5**, 2). Miqueas sinalaba que había de nacer en Belén (**5**, 2; cf Mt **2**, 2-6).

**7**, 49 *Coñecer* ten na mentalidade semítica un sentido moito máis profundo do que nas linguas occidentais: non se limita a unha información, senón que implica unha asimilación, que leva a unha praxe. Tocante á Lei, os máis desventurados eran os "pobos da terra" (os xentís, os pagáns), pois nin sequera tiñan oído falar dela (Xer **5**, 4), mentres que o ideal do crente é meditar en todo momento a Lei do Señor (Sal **1**, 1-3; cf Dt **10**, 15-20).

**Xesús perdoa a unha adúltera**

53E fóronse cada un para a súa casa
**8** 1E Xesús saíu para o monte das Oliveiras.
2Pero á alborada, presentouse outra vez
no templo e veu onda el toda a xente; el sen-
tou e empezou a ensinar. 3Os escribas e fa-
riseos trouxéronlle unha muller sorprendida
en adulterio; puxérona no medio e medio e
4preguntáronlle:
–Mestre, a esta muller collérona en fla-
grante adulterio. 5Moisés, na Lei, mandounos
apedrar a esta xente. Ti que dis?
6Preguntábanllo á mala fe para teren así de
que o acusar. Pero Xesús, abaixado, escribía
co dedo na terra. 7Como lle seguían pregun-
tando, ergueuse e díxolles:
–Quen de entre vós non teña pecado, que
lle tire a primeira pedra.
8E, abaixándose outra vez, escribía na
terra. 9Pero eles, ao que o escoitaron, foron
liscando un a un, comezando polos máis ve-
llos. Quedou el só coa muller, que seguía no
medio. 10Ergueuse entón e preguntoulle:
–Muller, onde van? Ninguén te condenou?
11Ela respondeulle:
–Ninguén, Señor.
Díxolle Xesús:
–Tampouco eu non te condeno. Vaite e
desde agora non peques máis.

**Xesús, a luz do mundo**

12Xesús faloulles outra vez:
–Eu son a luz do mundo: quen me segue,
non andará ás escuras, senón que terá a luz
da vida.
13Dixéronlle entón os fariseos:
–Ti fas de testemuña en causa propia: o
teu testemuño non vale.
14Xesús replicoulles:
–Aínda que eu faga de testemuña en cau-
sa propia, o meu testemuño é válido, porque
eu ben sei de onde vin e a onde vou, mentres
que vós non sabedes de onde veño nin onde
vou. 15Os vosos xuízos seguen normas hu-
manas, mentres que eu non xulgo a ninguén.
16E aínda que eu xulgase, o meu xuízo sería
válido, porque non sería eu só a xulgar, se-
nón eu e mais quen me mandou. 17E na vosa
Lei está escrito que o testemuño de dúas
testemuñas é válido. 18Eu dou testemuño de
min mesmo, pero tamén o dá o Pai que me
enviou.
19Entón eles preguntáronlle:
–Onde está teu Pai?
Xesús respondeulles:
–Nin me coñecedes a min, nin a meu Pai:
se me coñecésedes a min, coñeceriades ta-
mén a meu Pai.
20Estas cousas díxoas el cando ensinaba no
templo, no adro do tesouro; e ninguén o pren-
deu, porque aínda non chegara a súa hora.

**A onde vou eu, vós non podedes vir**

21Díxolles outra vez:
–Eu voume e haberédesme buscar e mo-
rreredes no voso pecado: onde eu vou, vo-
soutros non podedes vir.
22Dicían entón os xudeus:
–El irase matar, porque di: "Onde vou eu,
vosoutros non podedes vir"?
23El seguiulles dicindo:
–Vós sodes de aquí abaixo, eu son de alá
arriba; vós sodes deste mundo, eu non son
deste mundo. 24Díxenvos que haberedes mo-
rrer nos vosos pecados: como non creades
que *Eu son*, morreredes nos vosos pecados.
25Preguntáronlle entón:
–Pero, logo, ti quen es?
Xesús contestoulles:
–O que vos veño dicindo desde o comezo.
26Moito tería que falar de vós e xulgalo; mais
quen me enviou é veraz e eu só lle falo ao
mundo do que lle oín a El.
27Pero eles non coñeceron que lles falaba
do Pai. 28Entón Xesús continuou:
–Cando ergades o Fillo do Home, entón
comprenderedes que *Eu son*, e que non fago
nada pola miña conta, senón que falo do que
o Pai me ensinou. 29E quen me mandou está
comigo: non me deixou só, pois eu fago sem-
pre o que a El lle agrada.
30Ao dicir estas cousas, moitos creron nel.

**7**, 53 A perícope **7**, 53-**8**, 11, aínda que na actualidade forma parte do cuarto evanxeo, non é xoánica, senón que pertence á tradición sinóptica. Probablemente nun principio formara parte do evanxeo de Lc, en torno aos sucesos dos últimos días de Xesús en Xerusalén (Lc **20**, 1; **21**, 1. 37; **22**, 53), cando Xesús acougaba no monte das Oliveiras (Lc **21**, 37; cf Xn **8**, 1).
**8**, 1 *O monte das Oliveiras* queda ao leste de Xerusalén, pasando o torrente Cedrón (cf **18**, 1).
**8**, 5 *Apedrar a esta xente:* Dise en Lev **20**, 10 e Dt **22**, 22.
**8**, 12 Continúa Xesús na festa das Cabanas ou Tendas (**8**, 12-20. 21-30. 31-59).
**8**, 15 *Os vosos xuízos seguen normas humanas:* lit. "vós xulgades conforme a carne".
**8**, 16 O xuízo de Xesús e o que podería facer o Pai habían de coincidir.
**8**, 17 Está escrito no Dt **17**, 6 e **19**, 15.
**8**, 20 *Aínda non chegara a súa hora*: cf Introd., 6 e nota a **2**, 4.
**8**, 21 Cf **7**, 34-36.
**8**, 24 Xesús repite aquí a expresión *Eu son* (cf Éx **3**, 14), que alude á súa divindade (cf nota a **6**, 20).
**8**, 28 Cf nota a **12**, 32.

**A verdade faravos libres**

31E aos xudeus que creran nel, dicíalles Xesús:

–Se permanecedes na miña palabra, seredes de verdade discípulos meus; 32e coñeceredes a verdade e a verdade faravos libres.

33Eles respondéronlle:

–Somos semente de Abraham e endexamais non fomos escravos de ninguén; como, logo, dis ti "seredes libres"?

34Respondeulles Xesús:

–Con toda verdade volo aseguro: quen comete o pecado é escravo. 35E o escravo non queda para sempre na casa; o fillo queda para sempre. 36Logo, se o Fillo vos libera, seredes libres de verdade. 37Ben sei que sodes semente de Abraham, pero tratades de me matar, porque a miña palabra non prende en vós. 38Eu falo do que vin onda o Pai; e vós facedes o que oístes de voso pai.

**Voso pai é o demo**

39Eles respondéronlle:

–O noso pai é Abraham.

Xesús replicoulles:

–Se fósedes fillos de Abraham fariades as obras de Abraham, 40mais agora procurades matarme, a min, que vos dixen a verdade que oín de Deus: iso non o fixo Abraham. 41Vós facedes as obras de voso pai.

Dixéronlle:

–Nós non nacemos da prostitución: temos un pai, Deus.

42Contestoulles Xesús:

–Se o voso pai fose Deus, amariádesme a min, porque eu saín e veño de Deus, pois non vin por min mesmo, senón que El me enviou. 43Por que non comprendedes a miña fala? Porque non podedes escoitar a miña palabra. 44Vós sodes de voso pai o Satán, e queredes realizar os desexos de voso pai. Este foi asasino desde o comezo e non afincou na verdade, pois non hai verdade nel. Se fala falsidade, fala do seu, pois é mentireiro e pai da mentira. 45Polo contrario, a min, porque vos digo a verdade, non me credes. 46Veña! Que probe un de vós que estou en pecado! Se vos falo a verdade, por que non me credes? 47Quen é de Deus, escoita as palabras de Deus; por iso vós non escoitades, porque non sodes de Deus.

48Os xudeus replicáronlle:

–Non dicimos con razón que ti es un samaritano e que tes o demo no corpo?

**Xesús, anterior a Abraham**

49Xesús respondeulles:

–Eu non teño demo ningún: eu respecto a meu Pai, e vós estádesme inxuriando. 50Eu non procuro o meu prestixio: hai quen o fai xa, e El fará xustiza. 51Con toda verdade volo aseguro: quen fai caso da miña palabra, non morrerá endexamais.

52Entón dixéronlle os xudeus:

–Agora si que vemos que tes o demo: Abraham morreu e os profetas tamén, e ti dis: "Quen fai caso da miña palabra, non morrerá endexamais". 53Seica es ti máis do que noso pai Abraham, que morreu? E os profetas tamén morreron. Por quen te queres facer pasar?

54Xesús respondeu:

–Se eu me dou gloria a min mesmo, a miña gloria nada vale; pero quen me dá gloria é meu Pai, de quen vós dicides que é voso Deus. 55Pero non o coñecedes, mentres que eu si o coñezo. Se dixese que non o coñezo, sería un mentireiro, coma vós; pero eu coñézoo e axústome á súa palabra. 56Voso pai Abraham encheuse de ledicia na esperanza de ver o meu día; viuno e alegrouse.

57Dixéronlle entón os xudeus:

–Aínda non tes cincuenta anos e xa viches a Abraham?

58Xesús contestoulles:

–Con toda verdade volo aseguro: antes que Abraham chegase a existir, *Eu son*.

59Entón colleron pedras para llas tiraren, pero Xesús agachouse e saíu do templo.

**8**, 44 Na perícope de Xn **8**, 31-47, comparada co texto paralelo da 1 Xn (**3**, 4-15. 18-29), póñense en parangón os adversarios de Cristo con Caín. Uns e mais o outro son fratricidas. Vese claramente a correspondencia das obras coa paternidade: os xudeus queren matar a Cristo (**8**, 37 b. 40), seguindo ao demo o pai deles, un homicida desde o comezo (**8**, 44), como Caín que, sendo do Malvado, matou a seu irmán, porque as súas obras eran malas e as de seu irmán boas (1 Xn **3**, 12). A atribución a Caín da filiación diabólica recóllea Xoán dos *Targums* de Xén **4**, 1 e **5**, 3, onde se di que Eva se uniu á serpente despois do pecado e que así naceu Caín, non segundo a semellanza de Adán, senón da serpente.

**8**, 48 *Ti es un samaritano*: esa era a aldraxe mais grande que se lle podía facer a un xudeu (cf **4**, 9 nota). Por se fora pouco, neste caso vai dito en paralelo con ter o demo no corpo.

**8**, 58 Xesús afirma a súa existencia onda o Pai antes de que Abraham chegase a vivir. Por iso, e mais pola expresión *Eu son*, entenden as palabras de Xesús como blasfemas.

**Curación dun cego de nacemento**

**9** [1]Ao pasar, viu a un cego de nacemento.
[2]Entón preguntáronlle os seus discípulos:
–Mestre, quen pecou, para que nacese cego: el ou seus pais?
[3]Xesús respondeu:
–Nin pecou el nin os seus pais, senón que está cego para que se mostren nel as obras de Deus. [4]Precisamos facer as obras do que me mandou mentres é día; está a chegar a noite e daquela ninguén pode traballar. [5]Mentres eu estou no mundo, son a luz do mundo.
[6]Dito isto, cuspiu na terra e fixo lama co cuspe e untouna polos ollos do cego, [7]dicíndolle:
–Vaite lavar na piscina de Siloé (que quere dicir "enviado").
El foi, lavouse e volveu con vista. [8]Entón os veciños e os que antes o viran andar a pedir preguntaban:
–Non é este o que estaba sentado pedindo?
[9]Uns dicían:
–Éche o mesmo.
Outros:
–Non, é un que se lle asemella.
E el dicía:
–Son eu.
[10]Entón preguntábanlle:
–Daquela como se che abriron os ollos?
[11]El respondeu:
–O home que se chama Xesús fixo lama, untoume os ollos, e díxome: "Vai a Siloé e lávate". Entón fun e, ao que me lavei, comecei a ver.
[12]Preguntáronlle:
–Onde está ese?
El contestou:
–Non o sei.
[13]Levaron onda os fariseos ao que fora cego. [14](Era sábado o día que Xesús fixera lama e lle abrira os ollos). [15]E outra vez lle preguntaban tamén os fariseos como chegara a ver. El respondeulles:
–Untoume lama polos ollos, laveime e vexo.
[16]Algúns dos fariseos dicían:
–Este home non vén de Deus, que non garda o sábado.
Outros, en cambio, dicían:
–Como ía poder un home pecador facer estes sinais?
E había división entre eles. [17]Entón preguntáronlle outra vez ao cego:
–A ti que che parece ese home que lles deu a vista aos teus ollos?
El contestou:
–Que é un profeta.
[18]Os xudeus non lle creron que fose cego e que chegase a ver, ata que chamaron polos seus pais [19]e lles preguntaron:
–É este o voso fillo, o que vós dicides que naceu cego? Logo como é que agora ve?
[20]Os pais responderon:
–Nós sabemos que este é o noso fillo e que naceu cego: [21]como é que agora ve, non o sabemos, nin sabemos tampouco quen lle deu a vista. Preguntádelle a el, que ten anos para falar en por si. [22](Isto dixérono os pais, porque lles tiñan medo aos xudeus, pois xa se puxeran de acordo en que, se alguén o recoñecía como Mesías, botábano da sinagoga. [23]Por iso dixeron seus pais: "Ten idade, preguntádelle a el").
[24]Chamaron por segunda vez polo home que fora cego e dixéronlle:
–Dá gloria a Deus: nós sabemos que ese home é un pecador.
[25]El entón respondeu:
–Eu non sei se é un pecador; só sei unha cousa: que eu antes era cego e que agora vexo.
[26]Dixéronlle entón:
–Pero que foi o que che fixo? Como che deu a vista?
[27]Respondeulles:
–Xa volo dixen e non me fixestes caso. Por que queredes oílo outra vez? Ou é que tamén queredes facervos discípulos del?
[28]Eles enchéronо de aldraxes e dixéronlle:
–Serás ti discípulo del: nós somos discípulos de Moisés. [29]Nós sabemos que a Moisés lle falou Deus; deste, polo contrario, non sabemos de onde é.
[30]O home replicoulles:
–Pois nisto precisamente está o admirable: en que vós non sabedes de onde é e aos meus ollos deulles el a vista. [31]Sabemos que Deus non escoita aos pecadores, pero se un

**9**, 2 Era crenza común entre os xudeus que todo mal é consecuencia dun pecado. Xesús vailles dicir que, se é verdade que o mal está no mundo polo pecado, non o é que todo mal físico veña dun pecado.
**9**, 4 Xesús xoga cos termos "día e noite", "luz e tebra" (cf nota a **3**, 2), utilizándoos primeiro nun sentido natural, para levar a xente ao terreo que lle interesa e sinalar así que El é a luz e que, se un a rexeita, vai por mal camiño.
**9**, 7 *Siloé*: a palabra que significa enviado, máis ben ca a grega "Siloé", é a hebrea "Xilóah", helenizada despois no vocábulo Siloé.
**9**, 19 A narración quere poñer en ridículo os xudeus, ata o punto de lles facer dicir que, se os pais afirmaban que nacera cego, estaban equivocados.

é piadoso e fai a súa vontade, a ese escóitao. [32]Endexamais non se soubo de ninguén que dese vista a un cego de nacemento: [33]se este non viñese de Deus, non podía facer nada.

[34]Respondéronlle eles:

–Ti naciches todo metido en pecados e vasnos ensinar a nós?

E botárono fóra.

**A cegueira espiritual**

[35]Oíu Xesús que o botaran fóra, buscouno e preguntoulle:

–Cres ti no Fillo do Home?

[36]El respondeulle:

–E quen é, Señor, para que crea nel?

[37]Díxolle Xesús:

–Éche o mesmo que estás vendo e que está a falar contigo.

[38]El dixo:

–Creo, Señor.

E prostrouse diante del. [39]Entón dixo Xesús:

–Para realizar un xuízo vin eu a este mundo: para que os que non ven, vexan, e os que ven se volvan cegos.

[40]Oíron isto algúns dos fariseos que estaban onda el, e preguntáronlle:

–E, logo, nós tamén estamos cegos?

[41]Xesús contestoulles:

–Se estivésedes cegos, non teriades pecado; mais, como dicides que vedes, o voso pecado permanece.

**Xesús, porta do curral e Bo Pastor**

**10** [1]Con toda verdade volo aseguro: o que non entra pola porta no curral das ovellas, senón que sobe por outra parte, é un ladrón e un bandido. [2]En cambio, quen entra pola porta é o pastor das ovellas. [3]A ese ábrelle o porteiro, e as ovellas escoitan a súa voz. Chama as súas polo nome e lévaas a fóra. [4]Cando as dá sacado todas, vai diante delas e as ovellas séguenо, pois recoñecen a súa voz. [5]Pero a un alleo non o seguirán, senón que fuxirán del, pois non coñecen a voz dos alleos.

[6]Díxolles Xesús esta alegoría mais eles non coñeceron que era o que lles daba a entender. [7]Entón díxolles de novo:

–Con toda verdade volo aseguro: eu son a porta das ovellas. [8]Todos os que viñeron antes ca min eran ladróns e bandidos; pero as ovellas non os escoitaron. [9]Eu son a porta: se alguén entra por min, salvarase, entrará e sairá, e atopará pasto. [10]O ladrón non entra senón para roubar, matar e estragar. Eu vin para que teñan vida e para que a teñan de abondo.

[11]Eu son o Bo Pastor. O Bo Pastor dá a súa vida polas ovellas. [12]O contratado, que non é pastor, de quen non son as ovellas, cando ve vir o lobo, deixa as ovellas e foxe e o lobo rapínaas e dispérsaas, [13]porque el anda ao xornal e as ovellas non lle importan. [14]Eu son o Bo Pastor: coñezo as miñas e as miñas coñécenme a min, [15]igual que o Pai me coñece a min e eu coñezo o Pai, e dou a miña vida polas ovellas. [16]Teño ademais outras ovellas

**9**, 33 Cf **3**, 2.

**9**, 36 Aínda que recoñece a Xesús como un profeta (v. 17) que vén de Deus (v. 33) e mais que ten grandes poderes (v. 32), non o recoñece como "Fillo de Deus", pois non sabe que alcance ten a expresión. Sen embargo, acepta todo o que Xesús lle diga, pois ten plena confianza nel.

**9**, 39 Xesús non veu para condenar a xente (**3**, 17); pero, pola súa actitude respecto da luz (**3**, 19), sepáranse os homes en dous bandos: os que aman a luz porque as súas obras son boas, e os que prefiren a tebra, porque as súas obras son ruíns.

**9**, 41 O peor que lle pode pasar a un home é considerarse xusto, pois ninguén o é en realidade ante Deus (Sal **14**, 1-3; cf Rm **3**, 10). Se os fariseos fosen coma o cego, era mellor, pois non terían o orgullo que lles impedía chegar a ver de veras. Non terían pecado, mentres agora están sepultados nel. Permanece o pecado de cegueira, porque non teñen o desexo de recibir a luz que os salvaría, a luz de Cristo.

**10**, 8 *Ladrón* ten aquí o sentido do que rouba ás agachadas. *Bandido* era o guerrilleiro de pretensións mesiánicas, ao xeito dos sicarios (cf **18**, 40 nota; Introd. ao N. T., 2. e. 7).

**10**, 9 Xesús fai a aplicación do enunciado no v. 1: a verdadeira vida encóntrase contando con Xesús, do mesmo xeito que se entra no curral pola porta: Ninguén chega onda o Pai senón por min (**14**, 6).

*Entrar e saír*: expresión semítica que vén significar unha absoluta liberdade de movementos (cf Núm **27**, 17). Relacionado con Xesús, equivale á libre comuñón de vida con El: quen pasa pola porta e entra encontrará alí pastos, no novo ámbito de vida con Xesús.

**10**, 11-18 Presenta Xesús a imaxe do Bo Pastor, contrapoñéndoa nos vv. 11-13 á do pastor asalariado. Este non ten amor ás ovellas, pois non son súas, mentres que o verdadeiro dono quéreas, e dá libre e voluntariamente a súa vida por elas. Presentándose coma "o Bo Pastor", failles ver que é Deus, pois Ezequiel anunciara o pastoreo que Deus faría no seu pobo, farto xa dos pastores ruíns (Ez **34**, 1-16). Xesús reúne na súa persoa a promesa de Deus de que será El quen pastoree o seu pobo e a de que David será o pastor do seu pobo (Ez **34**, 23-34).

**10**, 14 De acordo co sentido que ten a palabra "coñecer" para os semitas, que implica unha relación moito máis estreita, dísenos que Xesús ten comuñón de vida coas súas ovellas, a semellanza da que ten co Pai.

**10**, 16 A misión de Cristo é universal: non veu só para salvar a parte fiel do rabaño de Israel, senón tamén os rabaños para os que a voz de Deus era voz dun alleo. Esas ovellas deullas o Pai, pero cómpre que escoiten a voz de Xesús. Cando Cristo sexa crucificado, entón serán atraídos a El (**12**, 32).

que non son deste curro: tamén a esas as teño que guiar, e escoitarán a miña voz e farase un só rabaño e un único pastor. [17]Por iso ámame o Pai: porque eu dou a miña vida, para tomala de novo. [18]Ninguén ma quita, non, douna eu voluntariamente. Teño poder para dala e teño poder para tomala de novo. Este mandato recibino do meu Pai.

[19]Fíxose de novo unha división entre os xudeus por estas palabras. [20]Moitos deles dicían:

–Ten o demo e está tolo. Por que o escoitades?

[21]Pero outros replicaban:

–Estas palabras non son dun tolo endemoñado; ou é que un demoño pode darlles a vista aos ollos dos cegos?

### Xesús rexeitado polos xudeus na festa da Dedicación

[22]Era xa inverno e celebrábase daquela en Xerusalén a festa da Dedicación. [23]Xesús paseaba polo templo no Pórtico de Salomón. [24]Rodearono entón os xudeus e preguntáronlle:

–Ata que día nos terás en suspenso? Se es ti o Mesías, dínolo abertamente.

[25]Xesús respondeulles:

–Xa volo dixen e mais non credes: as obras que eu fago no nome de meu Pai son o meu aval. [26]Pero vós non credes, porque non sodes das miñas ovellas. [27]As miñas ovellas escoitan a miña voz, eu coñézoas e elas séguenme; [28]eu doulles vida eterna, e non se perderán para sempre, ninguén mas quitará da man. [29]Meu Pai, que mas deu, é máis ca todos, e ninguén pode repañalas da man do Pai. [30]Meu Pai e mais eu somos un.

[31]Colleron outra vez pedras os xudeus, para o apedraren. [32]Xesús replicoulles:

–Moitas boas obras fixen diante de vós de parte de meu Pai. Por cal delas me apedrades?

[33]Respondéronlle os xudeus:

–Non te apedramos por ningunha obra boa, senón por blasfemia, pois ti, sendo home, faste Deus.

[34]Xesús replicoulles:

–Non está escrito na vosa Lei, *Eu dixen: sodes deuses*? [35]Se lles chamou deuses a aqueles sobre os que veu a palabra de Deus e non pode errar a Escritura, [36]por que me acusades de blasfemia a min, a quen o Pai santificou e mandou ao mundo, por dicir que son Fillo de Deus? [37]Se non fago as obras de meu Pai, seguide sen crerme. [38]Pero se as fago, aínda que non creades en min, crede nas obras, para que comprendades e recoñezades que o Pai está en min e eu estou no Pai.

[39]Unha vez máis trataban entón de o prender; pero Xesús liscóuselles das mans. [40]E foi de novo á outra banda do Xordán, ao sitio onde estivera Xoán bautizando ao comezo e permaneceu alí. [41]E acudiron moitos onda el e dicían:

–Xoán non fixo ningún sinal, mais todo canto Xoán dixo acerca deste, era verdade.

[42]E moitos comezaron a crer nel alí.

### A morte de Lázaro

**11** [1]Había un enfermo, Lázaro de Betania, da aldea de María e da súa irmá Marta. [2]María fora a que unxira ao Señor con perfume e lle enxugara os pés cos seus cabelos, e o seu irmán Lázaro era o enfermo. [3]Por iso, as irmás mandaron a dicirlle a Xesús:

–Señor, mira, o que amas está enfermo.

[4]Ao oílo, dixo Xesús:

–Esta enfermidade non é para a morte, senón para a gloria de Deus, a fin de que por ela se glorifique o Fillo de Deus.

[5]Xesús quería lles moito a Marta, á irmá dela, e mais a Lázaro. [6]Aínda que oíu que este estaba enfermo, deixouse estar aínda por dous días no sitio onde se atopaba. [7]Despois disto, díxolles aos discípulos:

**10**, 18 Xesús dá voluntariamente a súa vida, porque o Pai o quere e porque tamén El é o Señor da vida. Pola contra, o home non é senón administrador dela e por iso non pode entregala, aínda que si arriscala polos demais.

**10**, 30 Xesús maniféstase da mesma categoría ca o Pai, o que equivale a considerarse Deus. Así o interpretaron os seus interlocutores (v. 33), que intentan apedralo por blasfemo.

**10**, 34 Os xudeus falaban ás veces da Lei referíndose a outros libros da Biblia que non pertencían ao Pentateuco. Nese sentido, Lei era sinónimo de Sagrada Escritura. Aquí alúdese ao Sal **82**, 6, no que Deus chama deuses, fillos do Altísimo aos xuíces, pois o xulgar pertence a Deus (Dt **1**, 17). Xesús colle esta frase da Escritura e aplícaa a si mesmo, concluíndo que, se a eles se lles podía chamar deuses sen caer en blasfemia polo feito de que Deus lles comunicaba a súa vontade para que fixesen xustiza, el pode aplicarse ese título con meirande razón, pois é o mandado do Pai (v. 36).

**10**, 35 Ben sabían os xudeus que cumpría facer o anunciado na Lei. Xesús emprega a Biblia, convencido da verdade do argumento baseado nela.

**10**, 38 As obras que un fai, identificano. Se quen obra mal demostra ser un fillo da tebra e fillo do demo, quen obra ben demostra co seu actuar que é fillo da luz, fillo de Deus.

**11**, 1 Xesús vai camiño da súa hora. O episodio da resurrección de Lázaro, preparado nos vv. 1-6, mostra como, mentres Xesús dá vida aos homes (**11**, 7-44), estes tratan de o matar (**11**, 45-54).

**11**, 7 Xesús decídese a ir á Xudea (**11**, 7-16), pois avecíñase a súa hora. A resurrección de Lázaro será un paso máis que acelerará as cousas de cara á glorificación de Xesús na cruz.

–Vaiamos outra vez á Xudea!
8Os discípulos replicáronlle:
–Mestre, aínda non hai nada que te querían apedrar os xudeus e vas ir outra vez alí?
9Xesús replicou:
–Non hai doce horas de día? Se alguén camiña de día, non tropeza, pois ve a luz deste mundo; 10mais se alguén camiña de noite, tropeza, pois non hai luz nel.
11En dicindo isto, proseguiu:
–Lázaro, o noso amigo, dorme; pero eu vouno espertar.
12Dixéronlle entón os discípulos:
–Señor: se dorme, curará.
13Xesús dicíao da morte. Pero eles coidaban que falaba do repouso do sono. 14Entón Xesús díxolles abertamente:
–Lázaro morreu, 15e alégrome por vós de non estarmos alí, para que creades. Así que vamos onda el!
16Díxolles entón Tomé –o chamado Xemelgo– aos outros discípulos:
–Vaiamos tamén nós morrer con el!

### Xesús é a Resurrección e a Vida

17Cando chegou Xesús, atopouse con que Lázaro xa levaba catro días no sepulcro. 18Betania estaba preto de Xerusalén, a uns tres quilómetros. 19Moitos dos xudeus foran onda Marta e María para lles daren o pésame polo irmán. 20Cando oíu Marta que Xesús estaba chegando, saíulle ao encontro. María, en cambio, quedou na casa. 21Díxolle entón Marta a Xesús:
–Señor, se ti estiveses aquí, meu irmán non morrería; 22pero eu sei que, aínda agora, Deus che concederá calquera cousa que lle pidas.
23Xesús díxolle:
–Teu irmán resucitará.
24Marta respondeulle:
–Ben sei que resucitará na resurrección, no día derradeiro.
25Díxolle Xesús:
–Eu son a resurrección e a vida. Quen cre en min, aínda que morra, vivirá; 26e todo o que vive e cre en min, non morrerá endexamais. Cres ti isto?
27Ela respondeu:
–Si, Señor: eu creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, que había de vir ao mundo.

### Conmoción e pranto de Xesús

28E, ditas estas cousas, saíu e chamou por María, súa irmá, dicíndolle polo baixo:
–O Mestre está aquí e chama por ti.
29Ela, ao oílo, ergueuse decontado e foi onda el. 30(Aínda non chegara Xesús á aldea, senón que estaba no mesmo sitio onde o atopara Marta). 31Entón os xudeus que estaban con ela na casa para lle daren o pésame, vendo a María que se ergueu decontado e saíu, foron detrás dela, coidando que ía á sepultura para chorar alí. 32María chegou onde estaba Xesús e, ao velo, caeu aos seus pés, dicíndolle:
–Señor, se ti estiveses aquí, non morrería meu irmán.
33Ao ver Xesús que ela estaba chorando, e tamén os xudeus que viñeran con ela, apertóuselle o corazón e, profundamente conmovido, 34preguntou:
–Onde o puxestes?
Contestáronlle:
–Señor, ven ver.
35E Xesús botouse a chorar. 36Entón comentaban os xudeus:
–Ai que ver como o quería!
37Pero algúns deles dixeron:
–E logo este, que deu vista aos ollos dun cego, non podía facer que non morrese?

### Xesús devólvelle a vida a Lázaro

38Xesús estremecéndose de novo, chegou á sepultura. Era unha cova, e tiña unha pedra por riba. 39Xesús ordenou:
–Arredade a pedra.
Marta, a irmá do finado, díxolle:
–Señor, xa cheira, que leva catro días.
40Xesús contestoulle:
–Non che dixen que se cres, verás a gloria de Deus?
41Arredaron entón a pedra. Xesús ergueu os ollos e dixo:
–Meu Pai, douche as grazas porque me escoitaches. 42Eu ben sabía que ti sempre me escoitas, pero díxeno pola xente que está aquí, para que crean que ti me mandaches.
43E dito isto, gritou con voz forte:
–Lázaro, ven para fóra!
44Saíu o morto; tiña os pés e as mans atados con vendas e a cara envolta nun sudario. Xesús ordenoulles:
–Desenleádeo e deixádeo ir.

**11**, 18 *Betania* queda a 3 km de Xerusalén (lit. 15 estadios, e 1 estadio = 190 m), en dirección L. Actualmente chámase *el-Azariyyé*, nome árabe que fai alusión a Lázaro.
**11**, 25 Xesús non só resucita, senón que é a mesma resurrección. Os xudeus do tempo de Xesús loaban a Deus por darlles vida aos mortos. Xesús vai mais alá: non só dá a vida, senón que se presenta como a mesma vida.
**11**, 40 Tamén é gloria de Deus unha marabilla do seu poder como a resurrección dun morto.
**11**, 44 Xesús dá a vida corporal como signo do seu poder para dar a eterna. Esta vida dánola agora como en xerme e hánola dar plenamente ao remate dos tempos.

### O Sanedrín decide quitarlle a vida a Xesús

45Entón, moitos dos xudeus que viñeran
onda María, vendo o que fixo, creron nel.
46Pero algúns deles foron onda os fariseos, e
contáronlles o que fixera Xesús. 47Entón os
sumos sacerdotes e os fariseos reuniron o Sa-
nedrín e dicían:
–Que imos facer? Porque este home fai
moitos signos. 48Se o deixamos así, todos
crerán nel e virán os romanos e quitarannos o
noso lugar santo e mais a nosa nación.
49Pero un deles, Caifás, que era o sumo sa-
cerdote aquel ano, díxolles:
–Non entendedes nada. 50Non coidades
que vos convén que morra un home polo
pobo e non que pereza a nación enteira?
51Iso non o dixo pola súa conta, senón que,
sendo sumo sacerdote aquel ano, profetizou
que Xesús había de morrer pola nación; 52e
non só pola nación, senón tamén para reunir
os fillos de Deus que estaban dispersos. 53Por
iso, desde aquel día, decidiron matalo.

### Xesús retírase á espera da hora

54En consecuencia, Xesús xa non anda-
ba á vista entre os xudeus. Marchou para a
rexión limítrofe co deserto, a unha vila
chamada Efraím, e alí permanecía cos seus
discípulos. 55Estaba próxima a Pascua dos
xudeus e subiron moitos daquela rexión a
Xerusalén antes da Pascua, para se purifi-
caren. 56Andaban entón buscando a Xesús,
e cando estaban no templo, preguntábanse
entre eles:
–Que vos parece? Non virá á festa?
57Pero os sumos sacerdotes e os fariseos
tiñan dada orde de que, se alguén sabía onde
estaba, que o comunicase para lle botaren
man.

### María unxe a Xesús en Betania

**12** 1Seis días antes da Pascua foi Xesús
a Betania, onde estaba Lázaro, a quen
resucitara de entre os mortos. 2Fixéronlle alí
unha cea. Marta servía, mentres que Lázaro
era un dos comensais. 3Entón María, collen-
do unha libra de perfume de nardo puro, de
moito prezo, unxiu os pés de Xesús e enxu-
goullos cos seus cabelos. A casa quedou chea
do recendo do perfume. 4Pero Xudas o Isca-
riote, un dos seus discípulos, o que o había de
entregar, dixo:
5–Por que non se vendeu ese perfume por
trescentos denarios, e non se lles deron aos
pobres?
6Dixo isto non porque tivese interese polos
pobres, senón porque era ladrón e, tendo el a
bolsa, botaba man do que se metía nela. 7Pero
Xesús replicou:
–Déixaa estar: que garde isto para o día do
meu enterro, 8pois aos pobres sempre os te-
des entre vós, mentres que a min non sempre
me ides ter.
9Unha chea de xente de entre os xudeus
soubo entón que el estaba alí e viñeron non
só por Xesús, senón tamén para veren a Lá-
zaro, a quen resucitara de entre os mortos.
10Pero os sumos sacerdotes decidiron matar
tamén a Lázaro, 11pois moitos, por causa del,
fuxían dos xudeus e crían en Xesús.

**11**, 45 É o derradeiro dos signos de Xesús contados por Xn. O primeiro, o de Caná (**2**, 1-11), servira para que os seus discípulos creran nel; este sérvelle para que crean nel moitos xudeus.
**11**, 47 *O Sanedrín*: cf Introd. ao N. T., 2. a).
**11**, 48 *Lugar santo*: lit. lugar. Debe ser o templo, aínda que tamén podería referirse á Cidade Santa, Xerusalén.
**11**, 51 Este inciso dos vv. 51-52, recolle a reflexión teolóxica do evanxelista. Se, como é probable, a idea de Caifás fora só que era mellor a morte dun ca a de todo o pobo, a de Xn vai moito máis alá: dinos que Xesús morre por salvar o verdadeiro Israel.
**11**, 52 Xesús morre por todos os fillos de Deus, e estes son os que o Pai lle deu (**8**, 42), non soamente de entre os xudeus, senón tamén dos xentís. Estes estaban dispersos e agora forman parte do Israel de Deus, desde o momento en que, coa morte de Cristo, o seu corpo é o Novo Templo, que xunta persoas de todas as nacións.
**11**, 54 Non coinciden os arqueólogos na localización da vila de *Efraím*. As dúbidas están entre as actuais "Et-Taiyibeh" e "Ain Sâmieh".
**11**, 55 É esta a terceira Pascua da que fala Xn. A primeira fora un pouquiño despois das vodas de Caná (**2**, 13); e a segunda, pouco despois da multiplicación do pan (**6**, 4). Os xudeus tíñanse que purificar para ir a ela, aínda que non tivesen culpas persoais: abondaba o feito de vivir entre xentís ou outra serie de cousas que facían contraer impurezas legais.
**12**, 1-5 María aparece aquí como irmá de Lázaro e mais de Marta. Nos sinópticos (Mt **26**, 6 ss; Mc **14**, 3 ss; Lc **7**, 36 ss) nárrasenos a unción que fixo en Betania "unha muller" (Mt **26**,7; Mc **14**, 3) pecadora (Lc **7**, 37). Por isto, chegou a identificarse a María a irmá de Lázaro e Marta coa muller que unxiu a Xesús na casa de Simón, cualificada por Lc como pecadora; e con María Magdalena, da que botara Xesús sete demos (Lc **8**, 2). Isto pasou por se mesturaren dous relatos distintos: a entrada dunha pecadora pública que chora ante Xesús, na casa de Simón o fariseo, en Galilea (Lc **7**, 1. 11. 36-50), e o da unción que lle fixo a Xesús unha muller chamada María, en Betania (Xn **12**, 1-3).
**12**, 7 Para un xudeu, que o enterrasen sen as uncións rituais de costume era unha ignominia; e Xesús, morrendo na cruz, non tiña garantías de que o purificasen. Por iso, preparándoo previamente para a súa sepultura, María fai unha obra de misericordia (cf Mt **20**, 10; Mc **10**, 6).

### Entrada triunfal en Xerusalén

[12]Ao outro día, a xente que chegara para
a festa, oíndo que Xesús viña a Xerusalén,
[13]apañou ramas das palmeiras e saíulle ao en-
contro exclamando:
—*Hosanna!:*
*Bendito o que vén no nome do Señor,*
o Rei de Israel!
[14]Xesús atopou un burriño, e montou nel,
conforme está escrito:
[15]*Non temas, filla de Sión,*
*mira que vén o teu rei,*
*montado nun burriño*.
[16]Ao comezo os seus discípulos non com-
prenderon estas cousas; pero cando Xesús foi
glorificado, entón lembráronse de que esta-
ban escritas del e que así llas fixeron. [17]As
persoas que estaban con el cando mandara
a Lázaro saír da sepultura e o resucitara de
entre os mortos, daban público testemuño.
[18]Tamén lle saíu ao encontro a xente, pois oí-
ran que el fixera este sinal. [19]Pero os fariseos
dixeron entre eles:
—Vedes que non conseguides nada; mirade
para aí: todo o mundo foi detrás del.

### Sinais da proximidade da hora

[20]Algúns dos que subían a adorar no día da
festa eran gregos. [21]Achegáronse a Felipe, o
de Betsaida de Galilea, e pedíronlle:
—Señor, queremos ver a Xesús!
[22]Foi Felipe e díxollo a André; e André e
mais Felipe foron dicirllo a Xesús. [23]Xesús
respondeulles:
—Chegou a hora de que sexa glorificado o
Fillo do Home! [24]Évos ben certo: se o gran
de trigo cae na terra pero non morre, quedará
el só; pero se morre, dará froito abondoso.
[25]Quen ama a súa vida, pérdea; mais quen
aborrece a súa vida neste mundo, poñeraa a
salvo para unha vida eterna. [26]Se alguén que-
re servirme, que me siga; e alí onde estou eu,
estará tamén o meu servidor. Se alguén me
serve, hao honrar o Pai. [27]Agora o meu es-
pírito está turbado. E que hei de dicir: Pai,
sálvame desta hora? Pero se para iso cheguei
a esta hora! [28]Pai, glorifica o teu Nome.
Chegou entón unha voz do ceo:
—Xa o glorifiquei, e glorificareino aínda de
novo!
[29]Ao oílo o xentío alí presente, dicía que
fora un trono. Outros dicían:
—Faloulle un anxo.
[30]Xesús interveu dicindo:
—Esta voz non foi por min, senón por vós.
[31]Agora é o xuízo deste mundo; agora ao
príncipe deste mundo vano botar fóra. [32]E eu,
cando me ergan da terra, atraerei a todos cara
a min.
[33]Dicía isto indicando de que morte había
de morrer. [34]Respondeulle entón a xente:
—Nós coñecemos pola Lei que o Mesías
permanece para sempre. Como dis ti que ten
que ser erguido o Fillo do Home?: quen é ese
Fillo do Home?
[35]Xesús contestoulles:
—Aínda por un pouco estará a luz entre vós.
Camiñade mentres tedes a luz, para que a te-

**12**, 12-16 A xente aclama a Xesús ao entrar en Xerusalén. O feito das palmas encaixaría ben na festa das Cabanas (cf Introd. ao N. T., 2. d. 3), cando se recitaba o Sal **118**, mentres se axitaban o *lulav* (ramo de palmas, mirtos e salgueiros) e o *etrog* (unha especie de limón). O sitio onde montou Xesús no burriño era Betfagué (cf Mt **21**, 5), 2 km ao L de Xerusalén, no camiño de Betania. Aínda hoxe, o domingo de Ramos, faise a procesión das palmas desde Betfagué ata a basílica de Santa Ana, en Xerusalén.
**12**, 16 Certo, o v. 13 alude ao Sal **118**, 25-26; e o 15 a Zac **9**, 9. O sentido do cumprimento destes anuncios de salvación é que Xesús é o Mesías esperado e mandado por Deus.
**12**, 20 Con estas palabras, confírmase o dito no v. 19, de que todo o mundo se deixaba arrastrar por Xesús. Tamén Zac **9**, 9, citado un pouco máis arriba, facía referencia á salvación dos xentís; e aquí vemos como veñen uns gregos onda Xesús.
**12**, 23 Coa chegada dos gregos buscando por Xesús, chega *a hora* de Xesús. Esta hora é a da paixón, que é de certo unha glorificación, pois é o momento en que os dous mundos xudeu e xentil son chamados a formar parte dunha mesma comunidade de salvación; de xeito que sexan un en Cristo Xesús (cf Gál **3**, 28).
**12**, 25 Na linguaxe semítica os verbos opostos significan, máis ca o sentido propio, a preferencia dunha das realidades sobre a outra. Así, neste caso, o amar-aborrecer equivale a antepoñer-pospoñer.
**12**, 26 O seguimento de Xesús debe ser común a todo bo discípulo de Cristo. Pola súa parte, Xesús promete aos que o sigan un posto onde El estea.
**12**, 27 Aínda que Xesús veu para dar a súa vida polos demais, o feito de ser un home lévao a sentir repulsa da morte. De todos xeitos, a vontade do Pai é a súa norma suprema (cf Lc **22**, 42).
**12**, 31 A expresión *príncipe deste mundo*, semellante ás utilizadas polos esenios de Qumrân, refírese a Satanás, por ser este o inspirador das accións dos que seguen os criterios mundanos. Coa glorificación de Xesús na cruz vén a condenación do Malo e dos seus fillos, ao vencelo Xesús.
**12**, 32 *Ser ergueito da terra* é unha expresión aramea, con dobre sentido simultáneo: ser levantado e ser crucificado. A atracción de todos a Cristo é o cumprimento do anuncio feito por Xer (**31**, 1-40) acerca da reunión dos dispersos, nun sentido máis universalista, abarcando a todos os homes. Xesús atrae a todos, proclamando a súa realeza desde a cruz, revelándolles o misterio da súa persoa. Pola fe en Xesús, fórmase o novo pobo de Deus.
**12**, 34 Os contemporáneos de Xesús decatáronse ben do sentido da expresión *ser erguido*. O que non comprendían era como podía ser crucificado o Mesías, que Deus mandara precisamente para salvar o pobo. A diferenza dos xudeus, que pensaban nun Mesías político, Xesús pensa nun mesianismo inspirado no Servo de Iavé (cf Is **52**, 13-**53**, 12).

bra non vos atrape: quen camiña na tebra, non sabe para onde vai. [36]Mentres tedes a luz, crede na luz, para que vos volvades fillos da luz.

Xesús en falando estas cousas, fuxiu e agachouse deles.

**Conclusión do ministerio público de Xesús**

[37]Pero, mesmo facendo Xesús tantos dos seus signos diante deles, non creron nel, [38]de xeito que se cumprise a palabra que dixo o profeta Isaías:

*Señor, quen creu na nosa predicación?*
*E a quen se manifestou o brazo do Señor?*

[39]Por iso non podían crer, pois tamén dixo Isaías:

[40]*Cegou os seus ollos*
*e endureceu os seus corazóns,*
*non sexa que os seus ollos vexan*
*e a súa mente entenda e se convertan*
*e eu os salve*.

[41]Dixo isto Isaías, pois viu a súa gloria e falou del.

[42]Sen embargo, moitos, tamén de entre as autoridades, creran nel, mais por causa dos fariseos non o confesaban, para que non os apartasen da sinagoga, [43]pois preferiron a gloria dos homes antes que a gloria de Deus.

[44]Xesús gritou:

–Quen cre en min, realmente non cre en min, senón naquel que me mandou; [45]e quen me ve a min, ve a quen me mandou. [46]Eu son a luz que veu ao mundo, para que todo o que cre en min non permaneza nas tebras. [47]Se alguén escoita as miñas palabras e non as garda, eu non o xulgo, pois non vin para xulgar o mundo, senón para o salvar. [48]Quen me despreza e non recibe as miñas palabras, ten quen o xulgue: a palabra que eu falei hao xulgar no derradeiro día. [49]Porque eu non falei pola miña conta, senón que o mesmo Pai, que me mandou, deume a encomenda do que debo dicir e do que hei de falar. [50]E eu sei que a súa encomenda é vida eterna. Por iso, as cousas que eu falo, fáloas como mas dixo o Pai.

# O LIBRO DA GLORIA

## A DERRADEIRA CEA

**O lavado dos pés**

**13** [1]Antes da festa da Pascua, sabía Xesús que lle chegara a hora de pasar deste mundo para onda o Pai; e xa que amara aos seus que estaban no mundo, amounos ata a fin. [2]E mentres ceaban –xa o Satán lle movera o corazón a Xudas, o de Simón Iscariote, para que o entregase–, [3]sabendo que o Pai lle puxera todo nas mans, e que saíra de Deus e ía onda Deus, [4]ergueuse da mesa e deixou a túnica; e collendo unha toalla, cinguiuse con ela. [5]Despois, botou auga nunha almofía e comezou a lavarlles os pes aos discípulos e a secárllelos coa toalla que levaba cinguida. [6]Pero, cando chegou onda Simón Pedro, este díxolle:

–Señor, vasme lavar os pés ti a min?

[7]Xesús respondeulle:

–O que eu fago, ti non o entendes agora: halo comprender despois.

[8]Pedro replicoulle:

–Ti non me lavarás os pés a min endexamais.

Xesús respondeulle:

–Se non te lavo, non terás parte comigo.

[9]Exclamou Simón Pedro:

**12**, 36 Para ser fillos da luz hai que *crer na luz e camiñar na luz*. O sentido destas expresións vén ser o vivir a propia existencia no ámbito de Xesús, que é a verdadeira luz.
**12**, 38 A cita é de Is **53**, 1.
**12**, 40 O evanxelista quere facernos ver que a falta de fe dos xudeus xa estaba anunciada no profeta Isaías (**6**, 9-10). A afirmación do profeta segue á serie de maldicións contra o pobo escolleito (**5**, 8-30), pola infidelidade aos seus compromisos.
**12**, 47 A misión de Cristo é salvadora, pois é a mesma misión do Pai. Pero o home pode aceptar ou non a palabra de Xesús. Se a acepta, será un fillo da luz, e a salvación de Cristo farase realidade nel; pola contra, se non a acepta, será un fillo da tebra, e a palabra rexeitada será un argumento contra el.
**13**, 1 Comeza o Libro da Gloria (Xn **13**, 1-**20**, 31), cos Discursos de Despedida, na Derradeira Cea (**13**, 1-**17**, 26). O evanxelista insiste no coñecemento que tiña Xesús do que lle ía pasar, e na súa liberdade para entregar a propia vida como testemuño de amor. O amor que Xesús ten ata a fin, quere significar a plenitude de amor, e mais a continuidade do amor de Cristo, ata a fin da súa vida.
**13**, 4 O lavatorio dos pés ten nestes primeiros vv. un valor simbólico, relacionado coa morte de Xesús, pois 1) faino despois de reparar en que, tanto o lavado dos pés coma a súa morte, eran para ben deles, e 2) porque se relaciona coa afirmación de que Xesús ía pasar deste mundo ao Pai.
**13**, 5 O labor de *lavar os pés* exercíana os escravos cos seus amos e cos hóspedes, e tamén os discípulos cos seus mestres. Que Xesús se poña a facer esa tarefa significa que os criterios da vida cristiá non poden coincidir cos criterios mundanos (cf vv. 12-15; Lc **22**, 25-27 par).
**13**, 6-11 Diálogo entre Xesús e Pedro. O feito de deixarse lavar os pés por Xesús leva consigo a posibilidade de participar na vida que Xesús terá onda o Pai; e o non deixarse lavar, todo o contrario. Iso enténdese moi ben, se o lavatorio dos pés simboliza o Bautismo (cf **3**, 5-7).

–Señor, daquela os pés, as mans e mais a cabeza.

10Dille Xesús:

–Quen se bañou, non precisa máis que lavar os pes, pois está todo limpo; e vós estades limpos, aínda que non todos.

11Sabía quen o había de entregar, por iso dixo: "Non todos estades limpos". 12Despois que Xesús lles lavou os pés e vestiu a súa túnica, sentou outra vez e preguntoulles:

–Comprendedes o que fixen convosco? 13Vós chamádesme Mestre e Señor, e dicides ben porque o son. 14Logo, se eu, o Señor e o Mestre, vos lavei os pés, tamén vós debedes lavarvos os pés uns a outros. 15Deivos así un exemplo, para que, como eu fixen convosco, así fagades tamén vós. 16Con toda verdade volo aseguro: o servo non é meirande ca o seu Señor, nin o mensaxeiro é meirande ca quen o mandou. 17Se sabedes estas cousas, seredes felices, con tal de que as cumprades. 18Non o digo por todos vós: eu sei ben a quen escollín; pero para que se cumpra a Escritura: *O que come comigo o pan, levantou contra min o seu pé*. 19Dígovolo desde agora, antes de que suceda, para que cando suceda, creades que eu son. 20Con toda verdade volo aseguro: quen acolla a aquel que eu mande, acólleme a min; e quen me acolle a min, acolle a quen me mandou.

### Xesús anuncia a traizón

21Dito isto, Xesús turbouse no seu interior e declarou abertamente:

–Con toda verdade volo digo: un de vós hame de entregar.

22Os discípulos miraban uns para outros, sen saberen de quen falaba. 23Estaba recostado no peito de Xesús un dos seus discípulos, aquel a quen Xesús amaba. 24Entón Simón Pedro fíxolle un aceno, para que lle preguntase a quen aludía. 25Daquela el, así apoiado no peito de Xesús, preguntoulle:

–Señor, quen é?

26Xesús respondeulle:

–É aquel a quen eu lle vou dar o pan mollado.

E mollando o pan, deullo a Xudas, o de Simón Iscariote. 27E naquel instante, xunto co pan, entrou nel Satanás. Entón díxolle Xesús:

–O que vas facer, faino axiña.

28Ningún dos que estaban sentados á mesa comprendeu por que lle dixera isto. 29Algúns coidaban que, ao ter Xudas a bolsa do diñeiro, dicíalle Xesús: Merca o que precisamos para a festa, ou que lles dese algo aos pobres. 30El, collendo o pan, saíu axiña. Era de noite.

### O mandamento novo

31Cando saíu, dixo Xesús:

–Agora queda glorificado o Fillo do Home e Deus queda glorificado nel. 32Se Deus queda glorificado nel, tamén Deus o glorificará a el e hao glorificar axiña. 33Meus fillos: só un pouquiño estarei convosco. Haberédesme buscar, pero, como lles dixen aos xudeus, dígovolo a vós agora: onde vou eu, vós non podedes vir. 34Douvos un mandamento novo: amádevos uns a outros: como eu vos amei, amádevos tamén entre vós. 35Nisto coñecerán todos que sodes os meus discípulos, se vos tedes amor uns a outros.

### Predición da negación de Pedro

36Simón Pedro preguntoulle:

–Señor, onde vas?

Xesús respondeulle:

–Onde eu vou non podes ti seguirme agora, seguirasme despois.

37Pedro replicoulle:

–Por que non podo seguirte agora? Estou disposto a dar a miña vida por ti.

38Xesús respondeulle:

–Que ti darás a túa vida por min? Con toda verdade cho aseguro: non cantará o galo, antes de que me negues tres veces.

**13**, 18 *Para que se cumpra a Escritura*: A Escritura non determina o comportamento daquelas persoas das que fala, senón que anuncia as súas actuacións. Xesús non destinou a ningún discípulo a que o traizoase, senón que un dos discípulos de Xesús traizoouno e deste xeito cumpriuse o anunciado no Sal **41**, 10 (cf Sal **55**, 13-15).

**13**, 19 A predición que fai Xesús do que vai pasar, halles facer ver que "El é": fará que se decaten de que lle pertence o ser Deus.

**13**, 23 Esta é a primeira ocasión en que se fala do "discípulo amado de Xesús" que equivale na nosa terminoloxía ao "preferido" entre os doce. Volverase falar del en **19**, 25-27; **20**, 2-10; **21**, 7. 20-23.

**13**, 27 A conduta de Xudas foi empeorando: en 12, 6 dicíasenos que se apropia do que era de todos; en **13**, 2, que o demo lle meteu a idea de entregar a Xesús; e neste v. dísenos que o mesmo Satanás entrou nel.

**13**, 30 A constatación de que era de noite cando saíu Xudas vai mais alá do sentido obvio (cf nota **3**, 2).

**13**, 34 Dise *mandamento novo*, porque é o mandamento da Nova Alianza, non porque non existise ese mandamento no antigo pobo de Deus (Lev **19**, 18. 34). Xesús salienta a súa importancia (Xn **13**, 35), sinálao como necesario para cumprir co mandamento do amor a Deus (Mt **22**, 34-40; Mc **12**, 28-31) e dálle ademais un sentido máis amplo á palabra "próximo" (Lc **10**, 29-37), aínda que aquí se refira directamente aos discípulos.

**13**, 38 Xesús quéixase da excesiva seguridade de Pedro, e aproveita a ocasión para lle anunciar que caerá. Contra esa excesiva seguranza, unha autosuficiencia que é froito do orgullo, prevennos tamén S. Paulo: Quen pense estar seguro, mire ben, non caia (1 Cor **10**, 12).

### Xesús, camiño cara ao Pai

**14** [1]Non vos agoniedes: crede en Deus e
mais crede en min. [2]Na casa de meu
Pai hai moitas moradas; doutro xeito, teríavos dito que vos ía arranxar un lugar? [3]E
cando vaia e vos arranxe un lugar, volverei e collereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades vós tamén. [4]E a onde eu vou, vós ben sabedes o camiño.

[5]Dille Tomé:

—Señor, se non sabemos onde vas, como imos saber o camiño?

[6]Xesús respondeulle:

—Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min. [7]Se me coñecésedes, coñeceriades tamén a meu Pai; aínda que xa desde agora o coñecedes e o tedes visto.

[8]Felipe díxolle:

—Señor, móstranos o Pai e abóndanos.

[9]Xesús replicoulle:

—Pero, Felipe, levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu o Pai. Como dis entón móstranos o Pai? [10]Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras. [11]Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas obras. [12]Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que eu fago, e faraas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai; [13]e o que pidades no meu nome heino facer, para que o Pai sexa glorificado no Fillo. [14]Se algo me pedides no meu nome, eu fareino.

### A promesa do Espírito

[15]Se me amades, gardaredes os meus mandamentos, [16]e eu rogareille ao Pai, e daravos outro Paráclito, para que decote estea convosco, [17]o Espírito da Verdade. O mundo non o pode acoller, pois non o ve nin o coñece; mais vós coñecédelo, pois permanece onda vós e está en vós. [18]Non vos deixarei orfos: logo volvo onda vós. [19]Un pouquiño máis e o mundo xa non me verá; pero vós haberédesme ver, que eu vivo e tamén vós haberedes vivir. [20]Naquel día coñeceredes que eu estou en meu Pai, e vós en min, e eu en vós. [21]Quen ten os meus mandamentos e os garda, ese ámame; o que me ama será amado por meu Pai, e eu amareino e manifestareime a el.

[22]Xudas, o outro, non o Iscariote, preguntoulle:

—Que pasou, para que ti vaias manifestarte a nós e non ao mundo?

[23]Xesús respondeulle:

—Se alguén me ama, gardará a miña palabra, e meu Pai amarao, e viremos onda el, e faremos vida con el. [24]O que non me ama, non garda as miñas palabras. E a palabra que escoitades de min, non é miña, é do Pai que me mandou. [25]Díxenvos estas cousas mentres estaba convosco; [26]pero o Paráclito, o Espírito Santo que meu Pai mandará no meu nome, ese havos ensinar todo e traeravos á memoria canto eu vos dixen.

[27]Déixovos a paz, douvos a miña paz: eu non vola dou como o mundo a dá. Non vos angustiedes, nin teñades medo. [28]Oístes que vos dixen: "Voume e logo volvo onda vós". Se me amasedes, alegrariádesvos de que eu vaia onda o Pai, xa que o Pai é máis ca min. [29]Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que, cando suceda, creades. [30]Xa non falarei moito convosco, pois está a vir o príncipe deste mundo. Sobre min non ten nada; [31]mais é para que saiba o mundo que eu amo ao Pai, e que, como o Pai me mandou, así fago. Erguede, vamos de aquí.

**14**, 3 A segunda vinda de Cristo será gloriosa e terá como finalidade recoller a todos os que o amaron, para que participen da súa gloria, estando con El eternamente.

**14**, 6 Xesús preséntase como *o camiño, a verdade e a vida*. É o camiño, como é a porta (**10**, 9), porque non se pode chegar ao Pai prescindindo de Xesús. É verdade, porque nos revela fielmente ao Pai, pois non está sometido ao "pai da mentira" (cf **8**, 44). Xesús é a vida, porque pode dar a súa e recuperala (**10**, 17), dar vida eterna a quen quere (**5**, 21), e porque quixo o Pai que teña vida pola súa conta (**5**, 26).

**14**, 7 Quen ten verdadeira fe en Cristo, coñece ao Pai. Os discípulos de Xesús tiñan aínda unha fe moi feble. Pero desde a chegada da *hora* o momento da glorificación de Cristo, a revelación será plena, e percibirán claramente a Verdade, pois coñecerán ben a Xesús e mais ao Pai (cf **16**, 25).

**14**, 13 Así como no A. T. se lle pedía algo ao Pai polo seu nome (Sal **25**, 11), pola súa gloria, así agora pódeselle pedir a Cristo, no meu nome. E, ao escoitarnos Cristo, o mesmo Pai será glorificado no Fillo.

**14**, 16 O pai daranos outro Paráclito, outro intercesor. No Evanxeo de Xn menciónase catro veces o Paráclito (**14**, 16. 26; **15**, 26; **16**, 7), co sentido doutra persoa divina.

**14**, 17 A ese Paráclito chámaselle Espírito de Verdade, pois pertence plenamente ao mundo da Verdade e dá testemuño da Verdade.

**14**, 26 *O Paráclito*, que aquí se chama Espírito Santo, ten tamén a misión de confirmar os discípulos nas ensinanzas de Xesús, iluminando a súa mente para que comprendan o mundo da Verdade.

**14**, 27 Xesús é o príncipe da paz (cf Is **9**, 5-6), e por iso *nos deixa a paz*. Con todo, unha paz distinta da que promete o mundo: Xesús non nos evita as tribulacións (**16**, 33), pero ao final participaremos da vitoria de Cristo sobre o espírito mundano: a paz de Cristo refírese á salvación.

**14**, 28 Despois de que Xesús falara abondo da súa igualdade co Pai, a afirmación de que "o Pai é máis ca min" haina que entender no seu sentido da distinta misión entre o mandado e o que manda.

**14**, 30 Cf nota a **12**, 31.

### Xesús, a vide verdadeira

**15** [1]Eu son a verdadeira vide, e meu Pai
é o labrador. [2]O bacelo que en min
non leva froito, arríncao; e o que leva froito,
límpao, para que leve máis froito aínda. [3]Vós
xa estades limpos, pola palabra que vos teño
falado. [4]Permanecede en min e eu en vós. Así
como a vidra non pode levar froito pola súa
conta, se non permanece na vide, vós tampouco, se non permanecedes en min. [5]Eu son
a vide; vós os bacelos. Quen permanece en
min e eu nel, ese leva froito abondoso, pois
fóra de min non podedes facer nada. [6]Se alguén non permanece en min, é coma as vidras arrincadas fóra, que secan; apáñanas,
bótanas no lume e arden. [7]Se permanecedes
en min e as miñas palabras permanecen en
vós, pedide o que queirades e hásevos facer.
[8]Nisto é glorificado meu Pai: en que levedes
froito abondoso e vos mostredes coma discípulos meus.

### Permanecer no amor

[9]Como me amou o Pai, así vos amei eu:
permanecede no meu amor. [10]Se gardades
os meus mandamentos, permaneceredes no
meu amor, como eu gardei os mandamentos de meu Pai, e permanezo no seu amor.
[11]Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena.
[12]Este é o meu mandamento: que vos amedes
uns a outros como eu vos amei. [13]Ninguén
ten amor meirande ca este: que un dea a súa
vida polos amigos. [14]Vós sodes amigos meus,
se facedes canto eu vos mando. [15]Xa non vos
chamo servos, que o servo non sabe o que fai
o seu señor: a vós trateivos de amigos, pois
todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer. [16]Non me escollestes vós a min, senón
que vos escollín eu a vós, e púxenvos para
que vaiades e levedes froito e o voso froito
permaneza, de xeito que todo o que lle pidades a Pai no meu nome, volo conceda. [17]Mándovos isto: que vos amedes uns a outros.

### O odio do mundo

[18]Se o mundo vos aborrece, sabede que
me aborreceu a min antes que a vós. [19]Se fósedes do mundo, o mundo amaríavos coma
cousa propia; pero, como eu vos escollín do
mundo, por iso o mundo aborrécevos. [20]Lembrádevos da palabra que vos dixen: "Non hai
servo maior ca o seu señor"; se a min me
perseguiron, hanvos perseguir tamén a vós;
se gardaron a miña palabra, tamén gardarán
a vosa. [21]Todo isto hánvolo facer por causa
miña, pois non coñeceron a quen me mandou.

[22]Se eu non viñese e non lles falase, non
terían pecado; mais agora non teñen escusa
polo seu pecado. [23]Quen me aborrece a min,
aborrece tamén a meu Pai. [24]Se non fixese entre eles as obras que ningún outro fixo, non
terían pecado; mais agora víronas, e aborrecéronme a min e a meu Pai, [25]de xeito que se
cumpra a palabra que está escrita na súa Lei:
*Aborrecéronme sen razón*.

[26]Cando veña o Paráclito que eu vos hei
mandar de onda o Pai, o Espírito da Verdade que vén do Pai, dará testemuño acerca de
min; [27]e tamén vós daredes testemuño, pois
levades comigo desde o comezo.

### Anuncio de persecucións

**16** [1]Díxenvos estas cousas para que non
vos escandalicedes. [2]Hanvos expulsar
das sinagogas; e mesmo chega a hora en que
todo aquel que vos mate, coide que está dando culto a Deus. [3]E farán iso, porque non coñeceron nin ao Pai nin a min. [4]Mais díxenvos
isto, para que, cando chegue a hora, recordedes que xa eu volo tiña dito.

### A obra do Espírito

Non vos dixen isto desde o comezo, porque estaba convosco. [5]Pero agora voume
onda o que me mandou e ningún de vós me
pregunta: "Onde vas?". [6]Ao contrario, porque vos dixen estas cousas a tristura encheu

**15**, 1-6. O parágrafo **15**, 1-**16**, 33, trata da relación dos discípulos de Xesús co mundo, despois da marcha de Cristo. Xn **15**, 1-17 recolle a alegoría da vide e os bacelos; os 6 primeiros vv. enlazan despois coa temática do sermón da cea, despregando a alegoría.
Ao longo da historia da salvación, Israel considerouse a viña do Señor, xa como totalidade, xa como resto fiel. Parece que os viñateiros eran os dirixentes do pobo. Estes foron os que mandaron matar a Xesús (Mt **21**, 33-46). Xesús preséntase como a verdadeira vide, que dá vida; o Pai quitarállela aos labradores que non a trataron como debían (Mt **21**, 40-46).

**15**, 19 Os discípulos non poden compartir os criterios do mundo. Xesús segregounos da maldade, e transmítelles os seus criterios. Polo tanto, se seguen fielmente as orientacións do Mestre, non poden menos que ser perseguidos, como El o foi (cf **15**, 20).

**15**, 24 O sentido dos últimos vv. é que, facendo Xesús as obras que fixo, non hai desculpa para quen non o recoñece. Por outra banda, o non recoñecer a Cristo no Xesús que facía tales obras, equivale a rexeitar ao Pai.

**15**, 25 A Escritura á que se refire é o Sal **35**, 16, salmo que recolle a súplica dun xusto perseguido.

os vosos corazóns. [7]Pero eu dígovos a verdade: convenvos que eu me vaia, pois, se eu non me vou, non virá a vós o Paráclito; en cambio, se eu me vou, mandareino onda vós. [8]E cando veña, culpará ao mundo de pecado, xustiza e condena: [9]pecado, porque non cren en min; [10]xustiza, porque vou onda o Pai e xa non me veredes; [11]condena, porque o príncipe deste mundo xa resultou condenado.

[12]Aínda teño moitas cousas que vos dicir, pero non podedes con elas agora. [13]Cando veña El, o Espírito da Verdade, havos encamiñar á verdade plena, pois non vos falará pola súa conta, senón que vos dirá o que escoitou e anunciaravos o que ha de pasar. [14]El hame glorificar, pois recibirá do meu e interpretarávolo. [15]Todo o que ten o Pai é meu, por iso díxenvos que recibirá do meu e volo interpretará a vós.

### A tristura volverase alegría

[16]Un pouquiño e xa non me veredes; e outro pouquiño, e volverédesme ver. [17]Comentaron entón algúns dos seus discípulos:

–Que é isto que nos di: "Un pouquiño e xa non me veredes; e outro pouquiño, e volverédesme ver?". E iso de: "Porque vou onda o Pai?". [18]E dicían:

–Que é ese "un pouquiño"? Non sabemos o que quere dicir.

[19]Coñeceu Xesús que lle querían preguntar, e díxolles:

–Matinades entre vós acerca disto que vos dixen: "Un pouquiño e xa non me veredes, e outro pouquiño e volverédesme ver"? [20]Con toda verdade volo aseguro: choraredes e lamentarédesvos, mentres que o mundo se alegrará. Vós estaredes tristes, mais a vosa tristura volverase alegría. [21]A muller, cando vai dar á luz, ten tristura, pois chegou a súa hora; pero cando deu á luz o neno, xa non lle acorda o apuro, pola alegría de que naceu un home para o mundo. [22]Así, tamén vós tedes agora tristura; pero heivos ver de novo e o voso corazón alegrarase, e a vosa alegría ninguén vola poderá quitar. [23]E aquel día xa non me preguntaredes nada. Con toda verdade volo aseguro: o que lle pidades ao Pai no meu nome, El hávolo dar. [24]Ata agora non pedistes nada no meu nome. Pedide e recibiredes, de xeito que a vosa alegría sexa plena.

### Eu vencín o mundo

[25]Díxenvos estas cousas en comparanzas. Vai chegar a hora en que xa non vos falarei en comparanzas, senón que vos falarei do Pai abertamente. [26]Naquel día pediredes no meu nome. E non vos digo que eu rogarei por vós ao Pai, [27]xa que o propio Pai vos ama, pois vós amástesme a min, e crestes que eu saín de Deus. [28]Saín do Pai e vin ao mundo; de novo deixo o mundo e vou onda o Pai.

[29]Dixéronlle os seus discípulos:

–Mira, agora falas claro, sen andar con voltas. [30]Agora sabemos que o sabes todo, e non precisas que ninguén che pregunte: por iso cremos que saíches de Deus.

[31]Xesús respondeulles:

–Agora credes? [32]Mirade, vai chegar a hora, e xa chegou, en que vos espallaredes cada un pola súa banda, e a min deixarédesme só. Aínda que eu non estou só, pois está comigo o Pai. [33]Díxenvos estas cousas para que teñades paz grazas a min. No mundo haberedes ter apuros; pero tede ánimo: eu vencín o mundo.

### Oración sacerdotal de Xesús

**17** [1]Isto dixo Xesús. Logo, erguendo os ollos ao ceo, engadiu:

–Pai, chegou a hora: glorifica o teu Fillo, de xeito que o fillo te glorifique a ti, [2]conforme lle deches poder sobre todo home, para que dea vida eterna a todos os que ti lle de-

**16**, 9 O pecado fundamental do mundo consiste en non crer en Xesús, o que leva consigo non crer no Pai (cf **5**, 23; **6**, 29; **8**, 19. 42). Esa falta de fe a pesar dos signos que Xesús fixera (**12**, 37), foi consecuencia de preferir as tebras á luz (**3**, 19). Por conseguinte o mundo é culpable (**15**, 22-24).

**16**, 10 A xustiza de Deus maniféstase aquí na exaltación do xusto condenado polos homes. Mentres estes o botaron fóra da cidade, por blasfemo, crucificándoo alí, o Pai recíbeo no seu seo e éncheo de gloria.

**16**, 11 O considerar a morte de Cristo como unha acción do príncipe deste mundo contra Xesús, fai pensar que, na confrontación entre Xesús e Satanás, venceu este. Pero a morte de Xesús é un paso para a súa resurrección gloriosa, e na mesma morte na cruz Xesús está reinando e vencendo sobre o príncipe deste mundo, pois atrae a todos cara a El (**12**, 32); e os que o seguen, vencen con Xesús (1 Xn **2**, 13-14; **4**, 4; **5**, 4-5).

**16**, 18 Unha certa resposta encóntrase dous cc. máis atrás (**14**, 19): "Un pouquiño máis, e o mundo xa non me verá; pero vós haberédesme ver, que eu vivo e tamén vós haberedes vivir". De todos xeitos, aínda falaba por comparanzas; un pouco máis adiante (**16**, 28) manifestará abertamente que el vai onda o Pai. Verán a Xesús no seu Espírito, que o fará presente a eles (**16**, 14) e non ao mundo, pois este non o merece.

**16**, 32 Despois da seguridade manifestada polos discípulos (**16**, 30) é cando Xesús lles revela que o abandonarán. De todos xeitos non perde Xesús a calma, pois ten sempre con el ao Pai.

**17**, 1 *A chegada da hora* marca o momento máis importante da existencia terreal do Fillo de Deus. Este c. **17** noméase, ademais de "A oración sacerdotal de Xesús", "a pregaria da hora".

ches. [3](E nisto consiste a vida eterna: que te coñezan a ti, o único Deus verdadeiro, e a quen mandaches, Xesús Cristo). [4]Eu glorifiqueite na terra, rematando a obra que me deches a facer. [5]E agora, Pai, glorifícame onda ti, coa gloria que eu tiña onda ti, antes de que o mundo existira.

[6]Eu manifesteite aos homes que me escolliches do mundo. Eran teus, e déchesmos, e gardaron a túa palabra. [7]Agora coñecen que todo canto me deches vén de ti, [8]pois entregueilles as palabras que ti me encomendaches e eles recibíronas: coñeceron verdadeiramente que saín de onda ti, e creron que ti me mandaches. [9]Eu rógoche por eles; non che rogo polo mundo, senón polos que me deches, pois perténcenche; [10]todo o meu é teu; e o teu, meu; e neles quedo eu glorificado. [11]Eu xa non vou estar no mundo; pero eles quedan no mundo, mentres que eu vou onda ti. Pai santo, coida ti mesmo dos que me entregaches, para que sexan un coma nós.

[12]Cando eu estaba con eles, coidábaos no teu lugar. Ti entregáchesmos, eu agarimeinos, e ningún deles se perdeu, fóra do fillo da perdición, de xeito que se cumprise a Escritura. [13]Mais agora estou indo a ti, e falo estas cousas no mundo, para que teñan eles a plenitude do meu gozo. [14]Eu deilles a túa palabra, e o mundo aborreceunos, pois eles non son do mundo, como tampouco eu non son de mundo. [15]Non che pido que os tires do mundo, senón que os gardes do malo. [16]Eles non son do mundo, como eu tampouco non son do mundo. [17]Conságraos na verdade: a túa palabra é verdade. [18]Como ti me mandaches ao mundo, así os mando eu a eles, [19]e por eles conságrome eu, para que tamén eles sexan consagrados na verdade.

[20]E non che rogo só por estes, senón tamén polos que han crer en min pola palabra deles: [21]que todos sexan un coma ti, Pai, en min, e eu en ti; que tamén eles sexan un en nós, para que o mundo crea que ti me mandaches. [22]E a gloria que ti me deches, déillela a eles, para que sexan un coma nós somos un. [23]Eu neles e ti en min, para que cheguen á perfecta unidade, de xeito que o mundo recoñeza que ti me mandaches e que os amaches a eles, como me amaches a min.

[24]Pai: os que me deches, quero que, onde estou eu, estean tamén eles comigo, para que contemplen a miña gloria, a que ti me concediches, porque me amabas xa antes da fundación do mundo. [25]Pai xusto, o mundo non te coñeceu, pero eu coñecinte, e estes coñeceron que ti me mandaches. [26]Eu manifesteilles o teu nome e seguiréillelo manifestando, para que o amor co que me amaches estea neles, e tamén eu estea neles.

## A PAIXÓN

### Xesús entrégase

**18** [1]En dicindo isto, saíu cos seus discípulos para a outra banda do regueiro Cedrón, onde había unha horta, na que entrou el e mais os seus discípulos. [2]Tamén Xudas, o que o había entregar, coñecía aquela horta, pois en moitas ocasións estivera alí Xesús cos seus discípulos. [3]Xudas, que levaba a patrulla e a garda dos sumos pontífices e dos fariseos, chegou alí con farois, fachos e armas. [4]Entón Xesús, sabendo todo o que lle viña enriba, adiantouse e preguntoulles:

—A quen buscades?

[5]Respondéronlle:

—A Xesús de Nazaré.

Díxolles el:

**17**, 3 Xn, recollendo palabras de Xesús, di que a salvación nos vén polo "coñecemento de Deus", un coñecemento que non é só intelectual, senón toda unha comunidade de vida con Deus. Esta vida eterna, para Xn, comeza xa aquí abaixo, pois xa aquí son salvados os que honran a Deus crendo en Xesucristo.

**17**, 8 Xesús é o profeta semellante a Moisés, anunciado no libro do Dt (**18**, 18), que había de proclamar as palabras que Deus lle encargara. Cf notas a **4**, 25 e **6**, 14.

**17**, 9 Xesús roga polos que creron nel. Os que están sometidos ao príncipe deste mundo, xa non teñen remedio, pois non quixeron escoitar a Xesús, preferindo as tebras á luz, vindo Xesús como viñera para salvar as persoas polo amor que o Pai lles ten (cf **3**, 16).

**17**, 20 Na pregaria de Xesús estaban incluídos todos os que habían de crer pola súa palabra, transmitida polos seus discípulos.

**17**, 21 A unión existente entre o Pai e Cristo é o fundamento da unión que debe existir entre os cristiáns; e esta é consecuencia da unión que Cristo, intimamente relacionado co Pai, ten con eles. Tal unión fará que as persoas comprendan que Xesús é o mandado do Pai e que este as ama de verdade.

**17**, 24 Fai alusión a Xén **45**, 13, na redacción do *Targum Neophiti*, onde se di que Xosé lles mandara aos seus irmáns que lle contaran ao pai toda a súa gloria en Exipto.

**18**, 1 O regueiro Cedrón bordea a Xerusalén davídica polo L separando a Cidade Santa do monte das Oliveiras. Tamén David cruzara o mesmo regueiro fuxindo do seu fillo Abxalom (cf 2 Sam **15**, 23).

**18**, 4 Xoán insiste no coñecemento que Xesús tiña do que lle ía acontecer (cf **6**, 64; **13**, 1 nota), así como na súa serenidade nos preludios da morte.

—Eu son!

Estaba tamén con eles Xudas, o que o entregaba. 6Cando lles dixo, "Eu son", botáronse para atrás e caeron ao chan. 7Entón, preguntoulles outra vez:

—A quen buscades?

Eles contestaron:

—A Xesús de Nazaré.

8Xesús respondeulles:

—Díxenvos que son eu: así que, se me buscades a min, deixade marchar a estes.

9Así cumpriuse a palabra que dixera: "Non perdín ningún dos que me deches!". 10Entón Simón Pedro, que tiña unha espada, desenvaiñouna e feriu ao garda do sumo sacerdote, rabenándolle a orella dereita. O nome do garda era Malco. 11Pero Xesús díxolle a Pedro:

—Mete a espada na vaíña. E, logo, non hei beber o cáliz que me deu o Pai?

12Entón a patrulla, o tribuno e mais os gardas dos xudeus, agarraron a Xesús e prendérono.

### Interrogatorio de Xesús

13Levárono primeiro onda Anás, que era sogro de Caifás, o sumo sacerdote daquel ano. 14(Era Caifás aquel que lles dera aos xudeus o consello: "Convén que un home morra polo pobo").

15Simón Pedro e mais outro discípulo seguían a Xesús. Este discípulo, por ser coñecido do sumo sacerdote, entrou con Xesús no adro do palacio do sumo sacerdote. 16Pedro estaba fóra, na porta. Entón saíu o outro discípulo o coñecido do sumo sacerdote, falou coa porteira, e fixo entrar a Pedro. 17A porteira preguntoulle a Pedro:

—Non es tamén ti dos discípulos dese home?

El contestou:

—Non son.

18Estaban os criados e os gardas facendo unha fogueira, porque facía frío, e aquecíanse. Estaba tamén Pedro con eles, de pé, aquecéndose. 19Entón o sumo sacerdote interrogou a Xesús acerca dos seus discípulos e da súa doutrina. 20Xesús respondeulle:

—Eu falei á vista do mundo, publicamente; eu sempre ensinei na sinagoga e no templo, onde se xuntan todos os xudeus, e non falei nada ás agachadas. 21Por que me preguntas a min? Pregúntalles aos que me oíron de que lles falei: eles saben ben o que dixen.

22Ao dicir isto, un dos gardas alí presentes, deulle unha labazada a Xesús, dicindo:

—Así lle respondes ao sumo sacerdote?

23Xesús replicoulle:

—Se falei mal, demóstrame en que; e se falei ben, por que me pegas?

24Entón Anás mandouno amarrado onda Caifás, o sumo sacerdote.

25Estaba Simón Pedro de pé, quentándose, e preguntáronlle:

—Non es tamén ti dos seus discípulos?

El negouno, dicindo:

—Non son.

26Un dos criados do sumo sacerdote, parente daquel a quen Pedro lle cortara a orella, replicoulle:

—E logo non te vin eu na horta con el?

27Pedro negou outra vez; e naquel momento empezou a cantar un galo.

### Xesús perante Pilatos

28Levaron entón a Xesús de onda Caifás ao Pretorio. Era a amañecida. Eles non entraron no Pretorio para non se contaminaren e así

**18**, 6 A expresión "Eu son" alude á divindade (cf notas a **6**, 20; **8**, 24; **13**, 19). Trátase do nome divino, revelado por Deus a Moisés, e que os xudeus non se atrevían a pronunciar, por medo a profanalo. Cando o profire Xesús, bótanse para atrás. Deseguido, Xesús entrégase por propia vontade (**18**, 8). No A. T. dise que os perseguidores dos xustos bótanse para atrás (Sal **9**, 4; **56**, 9), e incluso tropezan e caen (Sal **27**, 1-2).

**18**, 8 Vemos a solicitude de Xesús polos seus discípulos, en momentos de apuro. É o Bo Pastor, que morre polas ovellas (cf **10**, 11-15).

**18**, 9 Xn cita libremente as palabras de Xesús recollidas en **17**, 12.

**18**, 11 Simón Pedro, con boa intención, interfire outra vez no plan de Deus (cf Mt **16**, 22-23; Xn **13**, 6-9), pois a Xesús xa lle chegara a súa hora.

*Beber o cáliz* significa cargar co sufrimento, asumir a acción dolorosa, rexeitable desde o punto de vista humano.

**18**, 14 Cf **11**, 50.

**18**, 15 Aquí, e nos vv. seguintes, fálase do Sumo Sacerdote referíndose a Anás; nos vv. 13 e 14, atribuíase o título a Caifás, o seu xenro, de quen se dicía que era "o Sumo Sacerdote"; a Anás, como tiña prestixio ante eles, por ter sido Sumo Sacerdote, levárонlle a Xesús pola noite, para que o interrogase, antes da sesión do Sanedrín, da mañá seguinte.

**18**, 16 *O outro discípulo* do que se falaba xa no v. anterior, parece identificarse co "discípulo amado" (cf **20**, 2), o que seguiu a Xesús ata a cruz (**19**, 25. 27).

**18**, 28 *O Pretorio* era a residencia do pretor romano, oficial xefe posto polo emperador nos territorios dependentes de Roma. A situación do Pretorio é insegura: uns pensan que estaba na Torre Antonia, mentres outros o sitúan no pazo de Herodes.

Os xudeus contraen "impureza legal" por diversas relacións coas persoas e coas cousas (cf Lev **11**, 24-28; **22**, 4-8). No presente caso podía ser por estaren dentro dunha casa onde se condenou a morte, ou onde eran usuais os costumes pagáns, como ter fermento nos días da Pascua (Dt **16**, 4).

A constatación de que era entón a amañecida ten no cuarto evanxeo un sentido teolóxico, dirixido a facer ver que comezaba a vitoria de Xesús para salvación das persoas (cf notas a **3**, 2; **9**, 4; **12**, 36).

poderen comer a Pascua. [29]Saíu entón fóra Pilatos, onda eles, e preguntou:
–Que acusación traedes contra este home?
[30]Eles responderon:
–Se este non fose un malfeitor, non cho entregabamos.
[31]Díxolles entón Pilatos:
–Collédeo vós e xulgádeo segundo a vosa Lei.
Os xudeus contestáronlle:
–Non nos é lícito matar a ninguén.
[32]Así se cumpriu a palabra de Xesús, sinalando con que morte había morrer. [33]Entón entrou Pilatos outra vez no Pretorio, chamou por Xesús e preguntoulle:
–Es ti o Rei dos Xudeus?
[34]Xesús respondeu:
–Dis ti iso pola túa conta, ou dixéroncho outros de min?
[35]Pilatos replicou:
–E logo son eu xudeu? A túa xente e os sumos sacerdotes entregáronte a min: que fixeches?
[36]Xesús contestoulle:
–O meu reino non é deste mundo; se deste mundo fose, os meus oficiais loitarían para que ninguén me entregase aos xudeus; pero o meu reino non é de aquí.
[37]Díxolle entón Pilatos:
–Logo ti es rei?
Xesús respondeu:
–Tal como o estás dicindo, eu son Rei: para iso nacín e para iso vin ao mundo, para dar testemuño da verdade; todo o que está aberto á verdade, escoita a miña voz.
[38]Pilatos preguntoulle:
–Que é a verdade?
E, dito isto, saíu onda os xudeus e díxolles:
–Eu non atopo nel culpa ningunha. [39]Hai entre vós o costume de que eu vos solte alguén pola Pascua. Queredes, logo, que vos solte ao Rei dos Xudeus?
[40]Berraron entón outra vez, dicindo:
–Non. A ese non, a Barrabás. (O tal Barrabás era un bandido).

### Xesús condenado a morte

**19** [1]Entón Pilatos colleu a Xesús e mandouno azoutar. [2]Os soldados, tecendo unha coroa con espiños, puxéronlla na cabeza, vestíronlle un manto de púrpura, [3]e, inclinándose diante del, dicíanlle:
–Salve, Rei dos Xudeus!
E dábanlle labazadas. [4]Pilatos saíu outra vez fóra e díxolles:
–Mirade, tráiovolo fóra, para que vos decatedes de que non atopo nel culpa ningunha.
[5]Entón saíu fóra Xesús, levando a coroa de espiños e o manto de púrpura. Pilatos díxolles:
–Velaquí o home.
[6]Cando o viron, os sumos sacerdotes e os gardas berraron:
–Crucificao, crucificao!
Pilatos respondeulles:
–Collédeo vós e crucificádeo, que eu non atopo culpa nel.
[7]Os xudeus replicaron:
–Nós temos unha Lei, e conforme a Lei debe morrer, por se facer Fillo de Deus.

**18**, 29 O xuízo de Xesús ante Pilatos preséntase en sete escenas, marcadas por outras tantas entradas ou saídas de Pilatos do Pretorio.
Os vv. 28-32 forman a "primeira escena", que comeza coa saída de Pilatos para falar cos xudeus.
**18**, 31 Non lles estaba permitido daquela, e por iso teñen que acudir ao pretor romano. A pena, para os non cidadáns romanos, é a crucifixión.
**18**, 32 Cf **12**, 32-33.
**18**, 33 Os vv. 33-38 forman a "segunda escena", que ten lugar dentro do Pretorio.
**18**, 34 A acusación que lle presentan a Pilatos é que Xesús quixo facerse rei, rebelándose contra o César. De ser así, habería suficientes motivos para a represalia romana. Pero Xesús rexeitou sempre ser considerado rei (**6**, 15; **18**, 36), entendendo o seu mesianismo no sentido do Servo de Iavé ou do fillo do Home, e rexeitando os títulos de "Mesías" e de "Fillo de Deus", aplicables aos reis.
**18**, 37 Xesús afirma a súa realeza, pero unha realeza distinta da humana: ten como finalidade o dar testemuño da verdade, revelar a Deus na súa persoa.
*Aberto á verdade*: lit. "é da verdade": disposición de escoita de Deus, que se nos revela en Xesús Cristo.
**18**, 38 Pilatos non atopa en Xesús a razón política para condenalo.
Os vv. 38b-40 recollen a "terceira escena", e presentan a alternativa de liberar a Xesús ou a Barrabás.
**18**, 40 *Bandido* era todo home que procuraba un mesianismo político, apoiado por algúns (cf nota a **10**, 8). Xn fainos ver como se deixan libres os que tiñan que ser condenados, e se condena aos que traballan pola verdade.
**19**, 1 Os vv. 1-3 tratan da flaxelación de Xesús e da coroación con espiños. Forman a "cuarta escena".
**19**, 2 Xn, facendo esta descrición, ten unha finalidade teolóxica, presentando a Xesús entronizado, coa indumentaria típica dos reis.
**19**, 4ss Os vv. 4-7 mostran a Xesús sendo presentado aos xudeus. Forman a "quinta escena".
As palabras *velaquí o home* do v. 5, denotan na boca de Pilatos un certo desprezo polos xudeus, representados naquel home, xa incapacitado para todo. Na mente de Xn, teñen, en troques, un sentido transcendente, como se se tratase do título "Fillo do Home". É un caso típico de "ironía xoánica".

[8]Cando Pilatos oíu estas palabras, colleu moito medo, [9]entrou outra vez no Pretorio e preguntoulle a Xesús:

–De onde es ti?

Pero Xesús non lle deu unha fala. [10]Entón Pilatos insistiu:

–Non falas comigo? Non sabes que teño poder para soltarte e poder para crucificarte?

[11]Xesús respondeulle:

–Non terías ningún poder sobre min, se non cho desen de arriba. Por iso, o que me entregou a ti ten maior pecado.

[12]Despois disto Pilatos procuraba liberalo. Pero os xudeus berraban:

–Se soltas a ese, non es amigo do César: todo o que se fai rei, oponse ao César.

[13]Pilatos, oídas estas palabras, levou para fóra a Xesús e sentouno no tribunal, no sitio nomeado O Lousado, en hebreo *Gábaza*. [14](Era o día da Preparación da Pascua, alá contra as doce do día). Díxolles aos xudeus:

–Velaquí o voso rei!

[15]Pero eles berraban:

–Fóra, fóra! Crucificao!

Pilatos preguntoulles:

–Pero como vou crucificar o voso rei?

Os sumos sacerdotes insistiron:

–Non temos máis rei ca o César.

[16]Daquela, entregóullelo para que o crucificasen.

**Crucifixión de Xesús**

Entón colleron a Xesús. [17]Cargando el mesmo coa cruz, saíu para o lugar chamado da Caveira, que se di *Gólgota* en hebreo. [18]Alí o crucificaron, xunto con outros dous, un a cada lado, e Xesús no medio. [19]Escribiu Pilatos un título e púxoo na cruz. O escrito era: "Xesús o Nazareno, o Rei dos Xudeus". [20]Moitos dos xudeus leron este título, porque o sitio onde Xesús foi crucificado estaba cerca da vila, e estaba escrito en hebreo, latín e grego. [21]Os sumos sacerdotes dixéronlle a Pilatos:

–Non escribas: "O Rei dos Xudeus"; senón: "El dixo: Son o Rei dos Xudeus".

[22]Pilatos respondeu:

–O escrito, escrito está.

[23]Entón os soldados, cando crucificaron a Xesús, colleron a roupa del –e fixeron catro partes, unha parte para cada soldado–, e mais a túnica. Era a túnica sen costura, tecida dunha peza de arriba abaixo. [24]E falaron entre eles:

–Non a rachemos: sorteémola a ver a quen lle toca.

Así cumpriuse a Escritura, que di:

*Repartiron entre eles a miña roupa e sortearon a miña túnica.*

Tal fixeron os soldados.

[25]Ao pé da cruz de Xesús estaban súa nai e a irmá de súa nai, María a de Cleofás, e

**19**, 9 A "sexta escena" está constituída polo expresado nos vv. 9-11.
Xesús non lle está pedindo a Pilatos que o deixe ceibo. Mantén a serenidade, e vólvese consciente de que está a cumprir a vontade do Pai.
**19**, 12 Os vv. 12-16b forman a "sétima e derradeira escena" do xuízo de Xesús.
**19**, 13 *O Lousado* (en grego "lizóstrotos"): era unha praza lousada, onde se celebraban os xuízos. *Gábaza* significa "outeiro"; pero a importancia da praza empedrada existente na parte alta da cidade, facía que se nomease comunmente "lizóstrotos".
Xn constata que Pilatos sentou a Xesús no tribunal. Isto, na mente de Pilatos, podía significar o desprezo dun romano por un xudeu que, segundo os outros, quería ser rei. Pero na mente do autor significa a xustiza que fai aquí Pilatos, sentando a Xesús "no seu sitio", outorgándolle a función do Fillo do Home, a de verdadeiro xuíz (cf **5**, 22. 27; Dn **7**, 13-14. 22).
**19**, 14 *A Pascua* cadraba sempre o 15 de *Nisán*, para os que seguían o calendario do templo (calendario lunar); para os que seguían o calendario solar, cadraba sempre en mércores. No ano da Pascua de Xesús, a Pascua era en sábado, pois seguíase o calendario do templo. Así que, segundo Xn, o xuízo de Xesús foi o venres, á "hora de sexta", que corresponde ás doce do día.
Constatando estes datos, e tendo en conta a súa intención teolóxica, podemos dicir que o evanxelista nos quere ensinar que, naquela Pascua, Xesús queda constituído rei e xuíz, causa de salvación para a humanidade.
**19**, 16 Os vv. 16b-37 tratan do cumprimento da sentenza, desde que prenden a Xesús ata a súa morte. Trátase en cinco seccións, precedidas dunha introdución (vv. 16b-18).
**19**, 17 *O lugar da Caveira ou Calvario* é o nome latino. Tanto o nome hebreo coma o arameo, teñen o mesmo sentido.
**19**, 18 *Crucificárono con outros dous*, que estaban presos quizais por rebelión contra Roma, coma Barrabás (cf Mt **27**, 38; Mc **15**, 27; Lc **23**, 33).
**19**, 19 A primeira sección comenta o título que puxeron na cruz de Cristo. O título indicaba á xente o motivo da condena. Pero na intención teolóxica de Xn latexa a idea de que Xesús queda proclamado rei dos xudeus nas linguas máis importantes daquel tempo.
**19**, 23s A segunda sección está formada polos vv. 23-24. Trata da roupa de Xesús e da túnica. No imperio romano os soldados tiñan o dereito de coller para eles os vestidos e demais obxectos dos axustizados. Feito isto polos soldados, cumpriuse o anunciado no Sal **22**, 19.
**19**, 25 A terceira sección (vv. 25-27) mostra a entrega de María como nai ao discípulo amado. Como Xoán representa aos crentes, todos eles pasan a ser fillos de María.
As mulleres que se mencionan aquí parece que son catro, incluíndo a Salomé como irmá da Virxe María. Sen embargo non faltan os que identifican a María de Cleofás coa irmá da Virxe, e entón serían só tres.

mais María a Magdalena. [26]Xesús, vendo a súa nai e, onda ela, o discípulo a quen amaba, díxolle á nai:

–Muller, velaí o teu fillo!

[27]Despois díxolle ao discípulo:

–Velaí túa nai!

E, desde aquela hora, o discípulo acolleuna con el.

### Morte de Xesús

[28]Despois disto, sabendo Xesús que xa todo estaba acabado, para que se cumprise plenamente a Escritura, dixo:

–*Teño sede!*

[29]Había alí un xerro cheo de vinagre. Entón, atando unha esponxa empapada de vinagre a unha cana de hisopo, achegáronlla á boca. [30]Cando probou Xesús o vinagre dixo:

–Está cumprido!

E, inclinando a cabeza, entregou o espírito.

[31]Entón os xudeus, como era o día da Preparación, para que non permanecesen os corpos na cruz durante o sábado –pois era grande aquel día de sábado–, rogáronlle a Pilatos que lles rompesen as pernas e os retirasen. [32]Viñeron, logo, os soldados, e rompéronlles as pernas ao primeiro e mais ao outro que crucificaran con el. [33]Pero ao chegaren onda Xesús, como o viron xa morto, non lle romperon as pernas, [34]senón que un dos soldados traspasoulle o costado cunha lanza; e no instante saíu sangue e auga. [35]Quen o viu, dá testemuño e o seu testemuño é verdadeiro; e el sabe que di a verdade, para que tamén vós creades. [36]Porque isto aconteceu para que se cumprise a Escritura: *Non lle crebarán óso ningún*. [37]E noutro lugar di: *Han mirar para quen traspasaron*.

### Sepultura de Xesús

[38]Despois disto, Xosé o de Arimatea, que era discípulo de Xesús –aínda que ás agachadas, por medo aos xudeus–, rogoulle a Pilatos que lle deixase retirar o corpo de Xesús. Pilatos accedeu. Foi e retirou o corpo. [39]Foi tamén Nicodemo –aquel que primeiramente viñera onda Xesús de noite–, levando unha mestura de mirra e áloe de case cen libras. [40]Colleron o corpo de Xesús e, segundo é costume sepultar entre os xudeus, enfaixáronno en panos, con aromas. [41]No sitio onde crucificaran a Xesús había un xardín, e no xardín un sepulcro novo, que aínda non usara ninguén. [42]Puxeron alí a Xesús, por mor da Preparación dos xudeus, pois o sepulcro estaba cerca.

## RESURRECCIÓN DE XESÚS

### O sepulcro baleiro

**20** [1]O día primeiro da semana María a Magdalena foi ao sepulcro moi cedo, cando aínda estaba escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. [2]Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo a quen amaba Xesús, díxolles:

**19**, 26 A escena da cruz representa o cume da obra de Cristo, cun marcado sentido eclesiolóxico. Xesús chámalle muller á súa nai, por relacionala con Eva, nomeada na Xénese como "a muller" e "a nai dos que viven". A María vénlle encomendada unha misión que pertence á obra mesiánica de Xesús. Por iso, a misión de María ten un sentido eclesiolóxico: María é o prototipo da Igrexa. Xoán acolle a María, e así nace a nova comunidade mesiánica.

**19**, 28 A cuarta sección (vv. 28-30) presenta outro episodio de Cristo na cruz: Xesús dá cumprimento á Escritura. Esta Escritura é o Sal **69**, 22.

**19**, 30 O feito de entregar o espírito refírese á morte, pero leva tamén o sentido da entrega do Espírito á Igrexa.

**19**, 31 A quinta sección (vv. 31-37) presenta a fe dos crentes no Cristo exaltado.

**19**, 33 A razón de non lle crebar as pernas a Xesús era que estaba xa morto. Pero Xn ve outro motivo máis profundo: o cumprimento da Escritura, e a presentación de Xesús como Año Pascual. A ese año non se lle podían romper os ósos (Éx **12**, 46; Núm **9**, 12; cf Xn **19**, 36).

**19**, 34 Amais do sentido natural de deitar sangue e auga, o evanxelista percibe un sentido teolóxico: a morte de Cristo, simbolizada no sangue, trae consigo a eficacia espiritual, representada pola auga, que simboliza o don do Espírito (cf **7**, 38; **19**, 30). Secundariamente pode ter un sentido sacramental: moitos Santos Padres viron na auga e no sangue a proclamación dos sacramentos do Bautismo e da Eucaristía.

**19**, 35 O que escribiu o evanxeo aparece aquí como testemuña presencial de todo o que lle aconteceu a Xesús.

**19**, 36: Éx **12**, 46; Sal **34**, 21.

**19**, 37 *Han mirar para quen traspasaron*: Alusión a Zac **12**, 10. O texto hebreo di: "E verán en min (Iavé) a aquel a quen traspasaron". Xn usa deste texto para facer ver que ao mataren a Xesús, pola salvación que vén del, recoñecerán a Deus e doeranse do que fixeron. Verán entón a Xesús como dador de vida, entregando a súa.

**20**, 1 Comeza a Terceira Parte do Libro da Gloria: Xesús Resucitado (**20**, 1-29).

Aínda que só se fala da Magdalena (**20**, 1), podemos afirmar que ían con ela outras mulleres. O feito de ir ela soa a un camposanto tan cedo sería moi mal visto. Ademais os outros evanxelistas sinalan a presenza dalgunhas mulleres (Mt **28**, 1; Mc **16**, 1; Lc **24**, 1. 10). Nótese, por outra parte, que María lles di aos apóstolos "non sabemos" (**20**, 2).

É posible que Xoán citase só a María por poñer o acento nela, importándolle menos o que fosen tamén outras unxir a Xesús.

–Colleron do sepulcro ao Señor, e non sabemos onde o puxeron.
3Pedro e mais o outro discípulo saíron
correndo cara ao sepulcro. 4Corrían os dous
á par. Pero o outro discípulo correu máis
lixeiro ca Pedro, e chegou primeiro ao se-
pulcro. 5Abaixándose, viu que estaban os
lenzos, pero non entrou. 6Entón chegou ta-
mén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no
sepulcro. Viu os lenzos pousados alí; 7pero
o sudario que envolvera a súa cabeza, non
estaba cos panos, senón á parte, enrolado
noutro lugar. 8Entón entrou tamén o outro
discípulo, que chegara primeiro ao sepul-
cro, viu e creu. 9(Pois aínda non coñecían a
Escritura, segundo a cal debía resucitar de
entre os mortos). 10Entón os discípulos vol-
veron para a casa.

### Aparición á Magdalena

11Mentres tanto, María quedara ao pé do
sepulcro, na parte de fóra, chorando. Sen
deixar de chorar, abaixouse a ollar no sepul-
cro. 12Viu dous anxos de branco, sentados, un
á cabeceira e outro aos pés do sitio onde xa-
cera o corpo de Xesús. 13Eles preguntáronlle:
–Muller, por que choras?
Ela respondeulles:
–Porque colleron ao meu Señor e non sei
onde o puxeron.
14Dito isto, virouse cara atrás e viu a Xesús
alí de pé, pero sen se decatar de que era Xe-
sús. 15Xesús preguntoulle:
–Muller, por que choras? A quen buscas?
Ela, coidando que era o xardineiro, díxo-
lle:
–Señor, se o levaches ti, dime onde o pu-
xeches, que eu o collerei.
16Xesús díxolle:
–María!
Ela, virándose, exclamou en hebreo:
–*Rabbuni!* (que quere dicir "Mestre").
17Xesús díxolle:
–Sóltame, que aínda non subín onda o Pai;
máis ben, vai onda os meus irmáns e dilles:
"Subo onda meu Pai e voso Pai, o meu Deus
e o voso Deus".
18María Magdalena foilles contar aos dis-
cípulos que vira o Señor, e que lle dixera es-
tas cousas.

### Aparición aos discípulos

19Naquel día, o primeiro da semana, ao se-
rán, estando pechadas as portas onde estaban
os discípulos, por medo dos xudeus, chegou
Xesús, e, poñéndose no medio, díxolles:
–A paz convosco!
20Dito isto, mostroulles as mans e mais o
costado. Os discípulos alegráronse, vendo o
Señor. 21El díxolles outra vez:
–A paz convosco!: como o Pai me man-
dou a min, tamén eu vos mando a vós.
22E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:
–Recibide o Espírito Santo: 23a quen lles
perdoedes os pecados, quedaranlles perdoa-
dos; a quen llelos reteñades, quedaranlles
retidos.

### Aparición a Tomé

24Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xe-
melgo, non estaba con eles cando chegou Xe-
sús. 25Dicíanlle entón os outros discípulos:

**20**, 6-7 O evanxelista conta os feitos detalladamente, quizais para saír ao paso de posibles comentarios sobre se os discípulos roubaran o corpo de Xesús. O estar todo en orde é sinal de que non se trataba dun roubo, pois uns ladróns non terían tempo nin humor para deixar todo tan ben colocado.
**20**, 8 Non se trata da verdadeira "fe", pois tiveron que ver a realidade para daren o asentimento. Ven a sepultura baleira, pero non van máis alá dese feito, pois non pensaban na Escritura.
**20**, 9 O Sal **16**, 9-10 sinala que o amigo de Deus non había de quedar na cova (cf Feit **2**, 25-28).
**20**, 12 A presenza dos anxos dá pé Xn para sinalar a resurrección de Xesús como momento salvífico, pois no A.T. un dos elementos constitutivos das manifestacións de Deus (teofanías) eran os anxos.
**20**, 16 A expresión de María é aramea, a lingua que falaban daquela os hebreos.
**20**, 17 A expresión subir onda o Pai aplícase para significar a recepción do don do Pai, o Espírito Santo, para llelo mandar aos discípulos. A partir daquela a súa permanencia será constante, pois a Xesús farao presente o Espírito. Mentres tanto, abondaba con aparicións esporádicas, pois a vida de Xesús xa non era a terreal.
*Meu Pai e voso Pai, o meu Deus e o voso Deus*: quizais faga alusión ás palabras de Rut a Noemí (Rut **1**, 16). Daquela, sería como dicir "meu Pai será no futuro voso Pai; e o meu Deus, o voso Deus", con todo o que iso leva consigo.
**20**, 21 A misión dos discípulos ten como base e fundamento a de Cristo.
**20**, 22 *O Espírito Santo* aparece como un don persoal de Deus (**14**, 16), que virá aos discípulos cando Xesús volva ao Pai (**16**, 7), que ensinará aos cristiáns (**14**, 26) conducíndoos á verdade (**16**, 13), e que dará testemuño do Mestre (**15**, 26). Este Espírito é o que nomeamos Espírito Santo, a terceira das divinas persoas.
**20**, 23 Xesús concédelles aos seus discípulos un poder reservado a Deus (cf Mc **2**, 6-7). Máis aínda, fai depender ao Pai da decisión deles, pois os pecados que eles perdoen, perdoaraos tamén Deus, e os que eles reteñan, tamén Deus os reterá (cf Mt **16**, 19; **18**, 18). As expresións en pasiva "quedaranlles perdoados", "quedaranlles retidos" son *pasivos teolóxicos,* tendentes a evitar a pronunciación do nome de Deus. Equivalen a "Deus hállelos perdoar", "Deus hállelos reter".
**20**, 24 *Tomé* converteuse no tipo de home incrédulo, que ten que ver os feitos para aceptar o que lle din. Xesús aproveitará a oportunidade para loar os que crerán sen veren (**20**, 29), os que, sen coñeceren persoalmente a Xesús, confían na palabra dos que o anuncian, ou nas Escrituras que falan del.

–Vimos o Señor.

Pero el contestoulles:

–Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non crerei.

[26]Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo:

–A paz convosco!

[27]Despois díxolle a Tomé:

–Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado, e non sexas incrédulo, senón home de fe.

[28]Tomé respondeulle:

–Meu Señor e meu Deus!

[29]Xesús díxolle:

–Tes fe porque me viches? Benia os que creron sen veren!

## EPÍLOGO

**Remate do Libro da Gloria: finalidade do Evanxeo**

[30]Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. [31]Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus e, crendo, teñades vida nel.

## APÉNDICE

**Aparición de Xesús á beira do lago**

**21** [1]Máis adiante aparecéuselles outra vez Xesús aos seus discípulos onda o lago de Tiberíades. Foi deste xeito: [2]estaban xuntos Simón Pedro, Tomé o chamado Xemelgo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e mais outros dous discípulos seus. [3]Simón Pedro díxolles:

–Vou pescar!

Eles contestaron:

–Imos nós contigo tamén.

Saíron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. [4]Xusto cando acababa de romper o día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. [5]Xesús preguntoulles:

–Rapaces, tedes algo que comer?

Eles responderon:

–Non.

[6]Díxolles entón:

–Largade o aparello por estribor e atoparedes.

Eles largárono, e xa non podían halalo a bordo, de tanto peixe. [7]Daquela, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

–É o Señor!

Entón Simón Pedro, o escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido pois estaba espido e botouse á mar. [8]Os outros discípulos chegaron no bote, porque non estaban lonxe de terra senón a menos de cen metros, remolcando o aparello cos peixes. [9]Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e mais pan. [10]Xesús díxolles:

–Traede peixes dos que acabades de coller.

[11]Simón Pedro subiu ao bote e arrastrou para terra o aparello cheo de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou o aparello. [12]Xesús díxolles:

–Vide comer!

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle: "Ti quen es"; sabedores de que era o Señor. [13]Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe. [14]Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou aos seus discípulos resucitado de entre os mortos.

**20**, 28 *Meu Señor e meu Deus!* A confesión de Tomé é clara: nese instante recoñece a Xesús como Deus, cumpríndose así o anuncio do Mestre (**8**, 28) de que, despois de que o crucificasen, caerían na conta de quen era.

**20**, 31 A finalidade que moveu ao autor a escribir, era presentar algúns feitos de Xesús que, excitando a fe nel como Mesías e Fillo de Deus, nos leven a unha comuñón de vida con el.

Agora aplícase ás persoas o que ao comezo (vv. 1-4) se dicía de xeito menos explícito: que aquela Palabra na que estaba a vida, dálles vida a elas.

**21**, 1 Este c. engadiuno o mesmo evanxelista ou, máis probablemente, algún dos seus discípulos. O vocabulario e o estilo son típicos de Xn, e parece que o evanxeo nunca circulou sen esta parte da obra.

**21**, 6 Un milagre semellante cóntanolo Lc **5**, 1-11. Se consideramos o feito narrado por Lc como posterior á resurrección, cousa moi probable, entón trataríase do mesmo acontecemento e encontraría, por outra banda, un marco axeitado, a primeira aparición de Xesús a Pedro, da que nos fala S. Paulo (1 Cor **15**, 5).

**21**, 8 *A menos de cen metros:* lit. "arredor de 200 cóbados". O "cóbado" equivale a 0,46 m.

### Misión de Pedro

15Cando xa comeran, preguntoulle Xesús
a Simón Pedro:
–Simón de Xoán: ámasme máis ca estes?
El contestoulle:
–Si, Señor, ti sabes que te quero.
Xesús díxolle:
–Apacenta os meus años.
16E de novo preguntoulle por segunda vez:
–Simón de Xoán: ámasme?
El respondeulle:
–Si, Señor, ti sabes que te quero.
Xesús díxolle:
–Apacenta as miñas ovellas.
17E preguntoulle por terceira vez:
–Simón de Xoán, quéresme?

Entristeceuse Pedro de que lle preguntase por terceira vez: "Quéresme?". E respondeulle:

–Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero.

Xesús díxolle:

–Apacenta as miñas ovellas. 18Con toda verdade cho aseguro: cando eras novo vestíaste ti e ías onde querías; cando te fagas vello, estenderás as túas mans, e vestirate outro e levarate onde non queres.

19Dixo isto para significar con que clase de morte había de dar gloria a Deus. E despois engadiu:

–Sígueme.

### O discípulo amado

20Virándose Pedro, viu que o seguía o discípulo a quen amaba Xesús, o que se recostara no seu peito na cea e lle preguntara: "Señor, quen é o que te ha de entregar?". 21Ao velo, preguntoulle Pedro a Xesús:

–E este, que?

22Xesús contestoulle:

–Se quero que permaneza ata que eu veña, a ti que che importa? Ti sígueme.

23Espallouse entón entre os irmáns a voz de que o discípulo aquel non morrería. Pero non dixera Xesús que non había de morrer, senón: "Se quero que permaneza ata que eu veña, a ti que che importa?".

### Conclusións

24Este é o discípulo que dá testemuño destas cousas e o que as escribiu; e sabemos que o seu testemuño é verdadeiro. 25Hai aínda moitas máis cousas que fixo Xesús, que, de escribilas unha por unha, coido que o propio mundo non podería conter os libros que se habían escribir.

**21**, 15-23 Diálogo de Xesús con Pedro, referíndose á constitución do apóstolo como Pastor da Igrexa, e mais ao futuro de Pedro e do "discípulo amado".

**21**, 19 A misión de pastoreo encomendada a Pedro por riba dos demais apóstolos, xa prometida durante a vida pública (cf Mt **16**, 16 ss), leva consigo a concesión dunha autoridade divina. Deus é o Pastor do pobo escolleito (Xén **49**, 24; Is **40**, 11; cf Xn **10**, 3-5), e no mundo daquel tempo a noción de autoridade forma parte do significado na palabra "pastor". Mais cómpre dicir tamén que a autoridade de pastor-guía do pobo de Deus ha de exercerse con sabedoría e entrega amorosa ás ovellas (Xer **3**, 15; Ez **34**, 10-11), ata chegar a dar a vida por elas, coma o Bo Pastor (Xn **10**, 11-15).

**21**, 25 Un xeito hiperbólico de dicir o redactor que elaborara só unha pequena síntese do que en realidade fixera Xesús.

# INTRODUCIÓN AOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

## 1. Título e orientación do libro

*Máis ca o seu título de* Feitos dos Apóstolos *posterior ao libro, pero usado xa desde o século II será Feit* ***1****, 8 o que nos orientará mellor sobre o contido do relato: "Recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seredes as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaria e ata os confíns da terra". En efecto, como historia dos Apóstolos, o libro resulta decepcionante polas inmensas lagoas que presenta; pero, en cambio, responde moi ben á expectativa citada; ademais aparece todo el impregnado pola presenza do Espírito e polarizado pola irrefreable expansión do evanxeo.*

*Espírito e misión universal son os dous grandes obxectos que centran o libro, os fios que atravesan todo o relato e que constitúen o "evanxeo" dos Feitos, a súa boa nova: a Salvación en Xesús aínda non plenamente manifestada realízase xa agora pola comunicación do Espírito, o don definitivo de Deus para todos as persoas de boa vontade. De aí que o relato dos Feitos estea polarizado pola expansión do evanxeo e o don do Espírito, que arrinca de Xerusalén, capital do antigo pobo de Deus, e chega a Roma, capital (cando menos simbólica) do mundo coñecido daquela. O acento recae sobre a universalidade do don e do novo pobo de Deus, ao que están chamados tanto os pagáns coma os xudeus. Precisamente coa incorporación dos pagáns que suporá a universalización da Igrexa, saíndo da matriz xudía acada o relato o seu clímax: a extensión e as repeticións da narración no episodio da conversión de Cornelio (c.* ***10****) son un claro sinal da importancia que o autor lle concede.*

## 2. Autor da obra, mensaxe teolóxica e valor histórico

*Desde o século II (Ireneo, Cremenzo de Alexandría, Fragmento de Muratori) a paternidade dos Feitos dos Apóstolos atribúese ao autor do terceiro evanxeo, Lucas (cf Col* ***4****, 14; 2 Tim* ***4****, 11; Flm 24), e a crítica moderna recoñece entre as dúas obras unha fonda unidade, ata o punto de se considerareren como dous tomos dunha obra única. Ambas están dedicadas ao mesmo personaxe, Teófilo, e fan clara referencia unha á outra, explícita (****1****, 1 fala do "primeiro libro") e implicitamente, se atendemos á similitude de lingua, vocabulario, estilo, estrutura e ideas teolóxicas (presenza do Espírito, universalismo, gozo, simpatía polos pagáns, Xerusalén centro xeográfico e teolóxico da obra, primeiro como centro de atracción (Lc) e logo de irradiación (Feit).*

*Conforme a isto, a boa noticia do don do Espírito e da expansión universal do evanxeo haina que entender como a culminación da obra de Cristo, e Lucas establece un paralelismo entre o ministerio de Xesús no seu evanxeo e o ministerio da Igrexa nos Feitos: bautismo no Espírito (Lc* ***3****, 21s; Feit* ***2****, 17); predicación sobre o Espírito (Lc* ***4****, 16-19; Feit* ***2****, 17); refugamento por parte dos xudeus (Lc* ***4****, 29; Feit* ***7****, 58;* ***13****, 50); curacións multitudinarias (Lc* ***4****, 40s; Feit* ***2****, 43), etc.*

*O libro ten un gran valor histórico para recoñecer a vida da primitiva Igrexa, a súa fe, a catequese apostólica, a incipiente organización, a misión evanxelizadora que define o seu ser. A información é rica e moi detallada ás veces (os estudos históricos e arqueolóxicos contemporáneos confirman e reforzan o creto de Lucas como historiador da súa época), froito da coidadosa información que o autor procurou (cf Lc* ***1****, 1-4), enriquecida pola presenza ocular de Lucas nalgúns episodios da narración, tal como se bota de ver nas pasaxes contadas en "primeira persoa" e sinaladas nas notas.*

## 3. Data e lugar de composición

*Sobre a data e o lugar exacto da composición dos Feitos non existe nin tradición nin acordo unánime entre os críticos, pero parece prudente sinalar os anos inmediatos ao 70, despois da morte de Paulo.*

# OS FEITOS DOS APÓSTOLOS

## Prólogo

**1** [1]O primeiro libro fíxeno, Teófilo, acerca
de todo o que Xesús obrou e ensinou
desde o comezo, [2]ata o día que foi levado ao
ceo, logo de ter dado instrucións polo Espírito Santo aos apóstolos que escollera.

## Aparicións de Xesús resucitado e a súa ascensión

[3]Aos mesmos que tamén se lles amosara vivo, con moitas probas despois da súa paixón, aparecéuselles durante corenta días e faláballes das cousas referentes ao Reino de Deus. [4]E comendo con eles, encomendoulles que non se retirasen de Xerusalén, senón que agardasen a promesa do Pai que escoitastes de min: [5]porque Xoán bautizou con auga, mais a vós bautizarásevos co Espírito Santo, de aquí a poucos días. [6]Os que estaban reunidos preguntábanlle:

–Señor, é agora cando vas restablecer o Reino de Israel?

[7]El respondeulles:

–Non vos acae a vós coñecer o tempo ou a oportunidade que o Pai fixou co seu propio poder. [8]Pero recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seredes as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda a Xudea e Samaria e ata os confíns da terra.

[9]En dicindo isto, elevouse á vista deles e unha nube quitóullelo da súa vista. [10]E estando eles fitando para o ceo mentres el marchaba, presentáronselles dous homes con vestidos brancos, [11]que dixeron:

–Galileos, que facedes ollando para o ceo? Este Xesús que vos foi levado de entre vós ao ceo, ha volver do mesmo xeito que o vistes ir.

## A Igrexa en Xerusalén

[12]Entón volveron para Xerusalén desde o chamado monte das Oliveiras, que está cerca de Xerusalén: distante o camiño que se pode facer en sábado. [13]Logo que chegaron, subiron ao cuarto de arriba, onde residían Pedro, Xoán, Santiago, André, Filipe, Tomé, Bartolomeu, Mateo, Santiago o de Alfeo, Simón o Celote e Xudas o de Santiago. [14]E todos eles dedicábanse conxuntamente á oración, con algunhas mulleres e mais María a nai de Xesús e cos seus irmáns.

**1**, 1 *O primeiro libro*: Refírese ao evanxeo de Lucas, tamén dedicado a Teófilo (Lc **1**, 3).

**1**, 3 O número de *corenta días* seguramente é simbólico: estancia de Moisés no Sinaí, de Elías no deserto, e do mesmo Xesús no deserto antes da súa vida pública. Entre os rabinos xudeus os corenta días simbolizan o período máis ou menos longo que precisaban os discípulos para aprenderen o ensino dos seus mestres. Así, con estes "corenta días", máis que dársenos unha data da Ascensión (que non indica ningún evanxeo, nin sequera o propio Lc **24**, 51), quere indicarnos que os apóstolos asimilaron máis claramente o significado da resurrección de Xesús, da súa obra e da propia misión cara ao Reino de Deus. Con este esquema literario, Lucas simboliza a plenitude da experiencia pascual.

**1**, 4 *Xerusalén* ocupa na obra de Lucas un lugar central: é o centro xeográfico da historia da Salvación, e para Lucas seguirao sendo no tempo da Igrexa. Subliña así a continuidade entre o tempo de Israel e o da Igrexa.

**1**, 6 Algúns autores consideran que a "restauración do Reino de Israel" significaba para os apóstolos a liberación "política", coa restauración definitiva da monarquía davídica na persoa do Mesías e a subseguinte liberación da opresión estranxeira. Na tradición apocalíptica, moi abundante nos tempos de Xesús, a "restauración" tiña un carácter "escatolóxico" (último) e transcendente (Dn **2**, 44; **7**, 14. 27), que engloba a todos os outros, e a súa realidade pertencerá ao "eón futuro", é dicir, que non será deste mundo, o que non quere dicir que sexa algo quimérico. Iría precedida do xuízo sobre as nacións (Sab **3**, 8; Dn **4**, 22). A pregunta dos apóstolos, máis ca un mesianismo nacionalista, revelaría a súa esperanza nunha parusía inminente, coa restauración final de todas as cousas, loxicamente evocada pola promesa do Espírito (v. 5); a súa doazón, segundo a tradición profética, estaba vinculada aos derradeiros días (Feit **2**, 10).

**1**, 8 O pero de Xesús vén ser outra parte da resposta que dá á expectativa escatolóxica dos apóstolos (v. 6): a primeira parte era implicitamente negativa (non é agora o momento da Parusía); a segunda é positiva (é agora cando se comeza a cumprir a plenitude escatolóxica), e vai unida á efusión do Espírito. Dalgunha maneira o Espírito substitúe aquí á Parusía, e vai unido significativamente á misión: *non vos acae coñecer o tempo... pero recibiredes a forza (o poder) do Espírito... e seredes as miñas testemuñas*. Os apóstolos son así desviados dun "estar pendentes do ceo" (v. 11) e emprazados a seguir o mesmo camiño e o mesmo estilo de Xesús, servidor das persoas, movidos polo seu mesmo poder (o do Espírito: **10**, 38) e afianzados na realización da Promesa en Xesús resucitado e glorificado.

**1**, 9 Trátase do único texto bíblico que describe a volta de Xesús ao Pai como unha ascensión visible ao ceo. Outros (Mc **16**, 19; Lc **24**, 51; Xn **20**, 17; Ef **4**, 10; 1 Tim **3**, 16; Heb **1**, 3. 13; **4**, 14; **6**, 19-20; 1 Pe **3**, 22, etc.) recollen simplemente o feito da desaparición visible de Xesús resucitado, unido á súa glorificación expresada en fórmulas como a "entronización á dereita de Deus", a "elevación ao ceo", "a posesión do señorío", etc. Son expresións moi plásticas da linguaxe para comunicar algo esencial á fe: a ausencia visible definitiva de Cristo resucitado logo das aparicións; a súa glorificación, expresada maiormente aquí como o seu poder de comunicar o Espírito de cabo do Pai (Feit **2**, 33); a misión da Igrexa, animada coma a de Cristo polo poder do Espírito e en liña do Servidor que foi Xesús, lonxe de todo triunfalismo e gloria visible.

### Elección de Matías para o lugar de Xudas

15Por aqueles días, Pedro, erguéndose en
medio dos irmáns (había alí un grupo de xente de case cento vinte persoas), dixo:
16–Irmáns, conviña que se cumprise a Escritura, onde por boca de David falou o Espírito Santo acerca de Xudas, que se fixo guía dos que prenderon a Xesús: 17el, que foi un de nós e que tomara parte neste servizo. 18E velaí que comprou unha leira coa paga do crime, caeu de cabeza e, rebentando polo medio, saíronlle para fóra as entrañas. 19A cousa foi coñecida por todos os de Xerusalén, a tal xeito que a aquela leira quedoulle o nome (na súa lingua) de *haqueldamá*, que quere dicir "leira de sangue". 20Porque está escrito no libro do Salmos: *que fiquen a campo os seus bens e que non haxa quen os habite*; e tamén *que outro reciba o seu cargo*. 21Cómpre, pois, que dos homes que nos acompañaron todo o tempo que o Señor Xesús estivo connosco, 22comezando desde o bautismo de Xoán ata o día en que foi levado de entre nós, un deles sexa connosco testemuña da súa resurrección.
23E presentaron dous: Xosé, o chamado Barsabás e por sobrenome o Xusto, e mais Matías.
24Daquela oraron así:
–Ti, Señor, que coñeces os corazóns de todos, amosa cal destes dous escolliches 25para ocupar neste servizo do apostolado o lugar que Xudas deixou para ir ao sitio que lle correspondía.
26Sortearon e correspondeulle a Matías, que formou grupo cos once Apóstolos.

### O día de Pentecoste os Apóstolos reciben o Espírito Santo

**2** 1Cando se cumpriron os días de Pentecoste, estaban todos xuntos no mesmo sitio. 2De súpeto, veu do ceo un ruído coma dun forte golpe de vento, que encheu toda a casa onde estaban; 3e apareceron talmente coma linguas de lume, que, repartidas, foron pousando unha sobre cada un deles. 4Quedaron cheos do Espírito Santo e puxéronse a falar noutras linguas, conforme lles concedía o Espírito.
5Había daquela en Xerusalén xudeus piadosos de todas as nacións da terra. 6Ao se producir aquel estrondo, xuntouse a xente e ficou moi desconcertada, porque cada un os sentía falar na súa propia lingua. 7Pasmados e admirados, dicíanlles uns a outros:
–Olla! E todos estes que están aí a falar non son galileos? 8E logo como é que os sentimos falar cada un de nós no noso propio idioma nativo? 9Partos, medos, elamitas, xente da Mesopotamia, Xudea, Capadocia, Ponto, Asia, 10Frixia e Panfilia, do Exipto e da parte de Libia contra Cirene, forasteiros romanos tanto xudeus coma prosélitos, 11cretenses e árabes, sentimos falar nas nosas linguas das grandezas de Deus.
12Estaban todos pasmados de admiración e dicíanlles uns a outros:
–Que será isto?
13Outros facían riso deles e dicían:
–Están cheos de viño!

### Discurso de Pedro

14Pero Pedro, de pé cos Once, levantou a voz e díxolles:

**1**, 16 *Conviña*. A expresión literal (do verbo "dei") é máis forte: "cumpría", "era preciso", e abunda nos evanxeos, sobre todo no de Lucas (**2**, 49; **9**, 22; **13**, 33; **17**, 25; **22**, 37; **24**, 26. 44, etc.); tamén a usa repetidamente nos Feitos. Xa se usara na tradución dos LXX do A. T. ao grego para expresar o cumprimento necesario da vontade salvífica de Deus. Neste contexto quere dicir simplemente: estaba previsto na Sabedoría de Deus, e o que parece escandaloso é camiño para a realización da salvación.
**1**, 20 Sal **69**, 26; **109**, 8.
**1**, 22 Se de todo cristián se pide que descubra que pola resurrección Xesús é o Señor e que o testifique, para pertencer ao grupo dos Doce (piares da fe da Igrexa) esíxese a condición da convivencia con Xesús desde o comezo, que converte o seu testemuño da resurrección en algo único (**10**, 39-42).
**2**, 1 Xunto coa da Pascua-Ácimos e a das Cabanas, a de *Pentecoste* era unha das tres grandes festas xudías, que reunían en Xerusalén grande número de peregrinos. Comezou sendo unha festa de carácter agrícola: era a festa da sega, cando se entregaban ao Señor as primicias (Éx **23**, 16). Máis tarde adquiriu un sentido relixioso de tipo histórico, relacionado coa data da chegada ao Sinaí logo do Éxodo (Pascua), e así adquiriu importancia como conmemoración da alianza do Sinaí, coa recepción da Lei por Moisés (cf Introd N. T. 2. d. 2).
**2**, 2s *Vento* e *lume*, sinais externos do Espírito, o gran don do tempo derradeiro (v. 17) prometido por Xesús (**1**, 5, 8), son propios das manifestacións de Deus no A. T. (Éx **19**, 16-19; 1 Re **19**, 11s). *Espírito*, xa en hebreo etimoloxicamente, quere dicir vento, aire en movemento, respiración (quizais por iso a alusión de Xoán en Xn **3**, 8; **20**, 22); en grego mantén mesmo unha semellanza fonética ("pnoé" e "pneuma"). O *lume* significa a santidade divina (Éx **3**, 2s; Dt **4**, 12; **9**, 10; Is **6**; Ez **1**; Dn **7**, 10). Hai tamén unha alusión implícita a Babel. O sentido profundo do acontecemento será explicado por Pedro no seu discurso dese día (vv. 14-16).

–Xudeus e todos os que habitades en Xerusalén: Entendede ben e escoitade as miñas palabras. [15]Non é que estes estean bebidos, como vós pensades, sendo como son as nove da mañá; [16]senón que isto é o que dixera o profeta Xoel:

[17]*Acontecerá, nos derradeiros días,*
*di o Señor,*
*que espallarei o meu Espírito*
*sobre toda carne:*
*os vosos fillos e as vosas fillas*
*profetizarán,*
*os vosos mozos terán visións*
*e os vosos vellos terán soños*.
[18]*Neses días espallarei o meu Espírito*
*sobre os meus servidores e servidoras*
*e profetizarán.*
[19]*Farei marabillas, enriba nos ceos,*
*e sinais embaixo na terra:*
*Sangue e lume e bafaradas de fume.*
[20]*O sol converterase en tebras*
*e a lúa en sangue,*
*antes que chegue o día do Señor,*
*grande e glorioso;*
[21]*e todo o que invoque*
*o nome do Señor será salvo*.

[22]Israelitas, escoitade: Fálovos de Xesús de Nazaré, home acreditado por Deus ante vós por milagres, marabillas e sinais que Deus fixo por el entre vós, como vós mesmos sabedes; [23]a este, entregado conforme ao plan establecido e á previsión de Deus, matástelo crucificándoo por man de impíos. [24]Pero Deus resucitouno, librándoo das dores da morte, pois non era posible que ficase baixo o seu dominio. [25]Xa David di del:

*Eu vía decote o Señor diante miña,*
*xa que está á miña dereita,*
*para que eu non vacile;*
[26]*por iso alegrouse o meu corazón*
*e aledouse a miña lingua,*
*e mesmo a miña carne*
*acougará esperanzada;*
[27]*porque non abandonarás*
*a miña alma no sitio dos mortos*
*nin permitirás que o teu santo*
*vexa a corrupción.*
[28]*Déchesme a coñecer camiños de vida,*
*encherasme de gozo coa túa presenza*.

[29]Irmáns, permitide que vos diga claramente que o patriarca David morreu e enterrárono e o seu sepulcro aínda está hoxe entre nós. [30]Pero, como el era profeta e sabía que Deus lle asegurara con xuramento que un descendente do seu sangue había sentar no seu trono, [31]en visión profética falou da resurrección do Mesías, que nin quedou abandonado entre os mortos nin a súa carne viu a corrupción. [32]A este Xesús resucitouno Deus, cousa da que todos nós somos testemuñas. [33]E agora, engrandecido pola dereita de Deus e recibido do Pai o prometido Espírito Santo, espallouno, que é o que vós vedes e sentides. [34]Porque David non subiu ao ceo, e sen embargo di:

*Díxolle o Señor ao meu Señor:*
*senta á miña dereita,*
[35]*ata que poña os teus inimigos*
*coma estrado para os teus pés*.

[36]Saiba, logo, con certeza toda a casa de Israel que Deus fixo Señor e Mesías a este Xesús a quen vós crucificastes.

### Primeiros bautizos

[37]Ao sentiren isto, quedaron moi impresionados e dixéronlle a Pedro e aos outros apóstolos:

–Irmáns, que debemos facer?

[38]Pedro respondeulles:

–Arrepentídevos e que cada un de vós se faga bautizar no nome de Xesús para o perdón dos seus pecados, e recibiredes o don do Espírito Santo. [39]Porque a promesa é para vós e mais para os vosos fillos e para todos os que están lonxe, tantos como queira chamar o Señor noso Deus.

[40]Con moitas outras palabras testificaba e animábaos, dicindo:

–Salvádevos desta xeración ruín!

### Vida dos primeiros cristiáns

[41]Os que recibiron a súa palabra foron bautizados: e ese mesmo día xuntáronselles arredor de tres mil almas. [42]Eran perseveran-

**2**, 15 *As nove da mañá*: lit. "a hora tercia".
**2**, 17ss Cita a pasaxe do profeta Xl **3**, 1-5 que, xunto coa efusión escatolóxica do Espírito (**3**, 1-2), contén os sinais propios da apocalíptica, que precederían ao "día do Señor" (**3**, 3-5). A Pedro interésalle só a segunda parte, pola súa conclusión: *todo o que invoque o nome do Señor será salvo*; para el, a partir de agora, o Señor (que para o A. T. era Iavé) é Xesús, signo tipicamente cristián: en efecto, antes de teren nome propio (Feit **11**, 26), os cristiáns eran *os que invocan o nome do Señor* (Feit **9**, 14-21; **22**, 16).
**2**, 25 Cita o Sal **16**, 8-11, interpretándoo coa clave da resurrección de Cristo, e a partir da tradución grega dos LXX (como en todos os discursos dos Feitos), que aquí é bastante libre respecto ao orixinal hebreo.
**2**, 34s Sal **110**, 1.
**2**, 36 Cf nota a **2**, 16.
**2**, 38 *Arrepentídevos*: Para volver ao Señor, requírese interiormente un cambio (grego "metánoia"). Outras pasaxes onde se pide o mesmo, son Feit **3**, 19 e **5**, 13.
**2**, 42 Resumo da vida dos primeiros cristiáns, que se repetirá en **4**, 32-35; **5**, 12-16.

tes en escoitar a ensinanza dos apóstolos, na comuñón da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións. [43]Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais. [44]Todos os crentes vivían unidos e tiñan todo en común: [45]vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme ás necesidades de cada un. [46]Todos a unha asistían diariamente ao templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; [47]loaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo. Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ao grupo.

### Curación dun tolleito

**3** [1]Pedro e Xoán subían ao templo para a oración das tres da tarde. [2]Había alí un home tolleito de nacemento, que levaban e poñían todos os días cabo da porta chamada Fermosa, para que pedise esmola aos que entraban no templo. [3]Vendo que Pedro e Xoán estaban para entrar, pediulles esmola. [4]Pedro –e o mesmo fixo Xoán– reparou nel e díxolle:

–Mira ben para nós.

[5]El ollaba para eles, esperando recibir algunha cousa. [6]Entón Pedro díxolle:

–Non teño prata nin ouro, pero douche o que teño: en nome de Xesús Cristo de Nazaré, érguete e anda.

[7]Colleuno pola man dereita e levantouno. No instante afirmáronselle os pés e os nocellos; [8]dun brinco púxose en pé e camiñaba. Entrou con eles no templo, andando, choutando e loando a Deus. [9]Todo o pobo o viu camiñar loando a Deus, [10]e, recoñecendo que era o mesmo que se sentaba na porta Fermosa pedindo esmola, ficaron pasmados e desconcertados polo que lle acontecera. [11]Como el non deixaba a Pedro nin a Xoán, toda a xente, fóra de si, correu tras eles ao pórtico chamado de Salomón.

### Pedro fálalle á xente

[12]Visto isto, Pedro dirixiuse ao pobo:

–Israelitas, por que vos admirades disto? Por que mirades así para nós, coma se fixésemos camiñar a este home polo noso propio poder ou santidade? [13]O Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob, o Deus de nosos pais, glorificou ao seu servo Xesús, a quen vós entregastes e negastes diante de Pilatos, cando este estaba decidido a deixalo en liberdade. [14]Pero vós rexeitastes o Santo e o Xusto; pedistes que indultasen a un asasino, [15]mentres que matastes ao dono da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos; disto nós somos testemuñas. [16]Pola fe no seu nome, ese mesmo nome deu forza a este que vedes e coñecedes: esa fe que obra por el, restableceuno completamente diante de vós. [17]Xa sei, irmáns, que obrastes por ignorancia, como tamén as vosas autoridades; [18]pero Deus cumpriu así o que anunciara por boca dos profetas: que o seu Cristo padecería. [19]Arrepentídevos, logo, e convertédevos, para que se borren os vosos pecados; [20]a fin de que veñan os tempos do conforto de parte do Señor, e mande o Mesías que vos destinou, Xesús. [21]A el convén que o ceo o conteña deica o tempo da restauración de todas as cousas, que Deus anunciou por boca dos seus santos profetas. [22]Moisés así o dixo: *O Señor Deus fará xurdir de entre vosos irmáns un profeta coma min: escoitarédelo en todo o que vos diga.* [23]*E quen non escoite a este profeta, quedará excluído do pobo*. [24]E todos os profetas que falaron, desde Samuel en adiante, anunciaron tamén estes días. [25]Vós sodes os fillos dos profetas e da Alianza que Deus fixo con nosos pais, cando lle dixo a Abraham: *Na túa descendencia serán benditas todas as familias da terra*. [26]Deus, resucitando ao seu servo, mándavolo primeiro a vós para que vos bendiga, se vos arredades cada un das vosas ruindades.

**3**, 13 Alude ao poema do Servo de Iavé (Is **52**, 13-**53**, 12). A relectura deste poema axuda a comprender e facer aceptable para os oíntes xudeus o escándalo da morte de Xesús como unha morte polos pecados (1 Cor **15**, 3). Os evanxeos están cheos de alusións directas ou veladas a esta figura do Servo (Mt **3**, 17; **11**, 29; **12**, 18-21; **20**, 26s; Mc **10**, 43ss; Lc **4**, 18s; **22**, 27; Xn **13**, 12-15), e no libro dos Feitos aplícaselle directamente (**3**, 13; **5**, 26; **4**, 27. 30) ou indirectamente (**8**, 35) ese título a Xesús.

**3**, 14 *Santo* e *Xusto* son títulos que o N. T. aplica a Xesús (Mt **1**, 20; Mc **1**, 24. 35; Xn **6**, 69; Feit **7**, 52; **22**, 14), pero que na tradición do A. T. e en concreto na do II Is, a quen está aludindo esta pasaxe, están reservados a Iavé. Ao Servo só se lle aplica o título de Xusto (Is **53**, 11).

**3**, 15 *O dono da vida.* O vocábulo grego podería significar tamén "autor", "iniciador", "xefe", "príncipe": neste sentido aplícao Pedro en Feit **5**, 31, e faino tamén a Carta aos Hebreos (**2**, 10; **12**, 2).

**3**, 22s As palabras postas en boca de Moisés, foron tomadas de Dt **18**, 15. 18-19, e moi libremente, neste caso, da versión dos LXX. A segunda parte (v. 3) é de Lev **23**, 29. Este título de Profeta semellante a Moisés, que refugara o Bautista (Xn **1**, 21), asígnaselle a Xesús tamén en Feit **7**, 37.

**3**, 24 Cf nota a **1**, 16.

**3**, 25 As palabras da Alianza con Abraham, son cita de Xén **12**, 3 segundo a versión dos LXX.

### Pedro e Xoán diante das autoridades xudías

**4** [1]Cando estaban a falarlle ao pobo, chegaron cabo deles os sacerdotes, o xefe da garda do templo e os saduceos, [2]incomodados porque ensinaban ao pobo e anunciaban a resurrección dos mortos verificada en Xesús. [3]Botaron man deles e metéronos na prisión ata o outro día, porque xa era tarde. [4]Non obstante, moitos dos que sentiron a palabra, creron; só o número dos homes subiu a uns cinco mil.

[5]Ao outro día xuntáronse en Xerusalén os xefes dos sacerdotes, os anciáns e os mestres da Lei, [6]así coma o gran sacerdote Anás, e Caifás, Xoán, Alexandre e todos os que eran de nobreza sacerdotal. [7]Trouxeron aos apóstolos diante deles e preguntáronlles:

–Con que poder ou en nome de quen fixestes isto?

[8]Entón Pedro, cheo do Espírito Santo, díxolles:

–Xefes do pobo e anciáns, [9]xa que nos demandades polo favor feito a un enfermo e sobre o xeito como se curou, [10]sabede todos vós e sáibao o pobo de Israel que é no nome de Xesús Cristo de Nazaré, a quen vós crucificastes e Deus resucitou de entre os mortos: por el está este home en pé e san diante de vós. [11]El é *a pedra que refugastes vós, os construtores, e que se converteu en pedra esquinal*. [12]En ningún outro hai salvación, porque non hai ningún outro nome baixo do ceo, dado aos homes, no que nos poidamos salvar.

[13]Ao veren a ousadía con que falaban Pedro e Xoán, sendo como eran xente do pobo e homes sen cultura; e comprendendo que eran os que estiveran con Xesús, quedaban admirados. [14]E vendo onda eles o home que quedara curado, non podían contradicilos en nada. [15]Mandáronos saír para fóra do consello e conferenciaron entre si, [16]dicindo: que imos facer con estes homes? Toda Xerusalén sabe que fixeron un milagre clarísimo, e non o podemos negar. [17]Pero, para que non corra máis entre a xente, ameacémolos, e que en adiante non falen máis a ninguén nese nome. [18]Chamáronos e prohibíronlles que baixo ningún pretexto falasen nin ensinasen no nome de Xesús. [19]Pero Pedro e Xoán respondéronlles:

–Xulgade por vós mesmos se está ben diante de Deus obedecervos a vós antes ca a El, [20]porque non podemos deixar de falar do que temos visto e sentido.

[21]Por iso, logo de os ameazaren novamente, deixáronos ir, non vendo a maneira de os castigaren por causa do pobo, xa que todo o mundo glorificaba a Deus polo que sucedera, [22]pois o home milagrosamente curado tiña máis de corenta anos.

### Oración da comunidade e baixada do Espírito Santo

[23]Unha vez libres, foron onda os seus e contáronlles todo canto lles dixeran os xefes dos sacerdotes e os anciáns. [24]Cando tal sentiron, todos á vez elevaron a voz cara a Deus e dixeron:

–Señor, ti fixeches o ceo, a terra, o mar e canto neles hai. [25]Ti dixeches, polo Espírito Santo, por boca do noso pai David, o teu servo:

*Por que se levantan as nacións*
*e os pobos cavilan parvadas?*
[26]*Aviñéronse os reis da terra*
*e os xefes aliáronse*
*contra o Señor e contra o seu Cristo*.

**4**, 1 Os saduceos negaban a resurrección (cf Mt **22**, 23-33 par).
**4**, 2 Cf **23**, 8. Nótese que non se presenta a resurrección de Xesús como baseada na crenza da resurrección dos mortos, senón practicamente ao revés, esta como esixencia nacida da resurrección de Xesús (cf **26**, 23; 1 Cor **15**, 20-23; Col **1**, 18).
**4**, 6 Trátase dos "sacerdotes xefes", entre os que está o xefe da garda do templo (cf Introd. ao Novo Testamento, 2b. 1).
**4**, 7 O interrogatorio é ante o Sanedrín, o máis alto tribunal dos xudeus, que constaba de 71 membros. A el pertencían os xefes dos sacerdotes ou pontífices; os escribas, xente preparada na Lei mosaica e que eran na súa maior parte fariseos; e os anciáns ou representantes das familias aristocráticas máis distinguidas (cf Introd. N. T. 2. a. b). Eles son protagonistas da paixón.
**4**, 11 *...a pedra que refugastes...*: cita do Sal **118**, 22, que se lle aplica a Xesús repetidamente no N. T. (Mt **21**, 42-43; Mc **12**, 10; Lc **20**, 17; 1 Pe **2**, 4-5). Xa entre os xudeus tiña un claro sentido mesiánico (Mc **8**, 31; Lc **19**, 35; Xn **12**, 3). Nel acharon os primeiros cristiáns unha canle para poderen asimilar o feito de que a Xesús o refugasen uns e o aceptasen outros, cousa que se remarca nesta mesma pasaxe (compárese o v. 2 co v. 4); recordemos que outra foi a tradición sobre o Servo de Iavé (cf nota a **3**, 13). Como nesta (cf nota a **3**, 14), hai unha ousada aplicación a Xesús (v. 12) dunha fórmula xudía reservada ao nome de Iavé.
**4**, 13 A ousadía ("parresía") é un atributo da predicación apostólica, utilizado repetidamente: **2**, 29; **4**, 29-31; **9**, 27-28; **13**, 46; **28**, 31.
**4**, 24 Cf Éx **20**, 11.
**4**, 25s *...por que se levantan...?* Aplicación do Sal **2**, 1-2 ao relato da paixón.

27Porque a verdade é que nesta cidade se
xuntaron contra o teu santo servo Xesús, a
quen ti unxiches, Herodes e Poncio Pilato,
cos pagáns e co pobo de Israel, 28para face-
ren o que a túa man e a túa sabedoría tiñan
disposto que sucedese. 29E agora, Señor, olla
para as súas ameazas e concédelles aos teus
servidores proclamar con toda ousadía a túa
palabra. 30Estende a túa man para que se fa-
gan curacións, sinais e prodixios polo nome
do teu santo servo Xesús.

31Cando remataron de rezar, abalou o sitio
onde estaban reunidos; todos quedaron cheos
do Espírito Santo e anunciaban afoutos a pa-
labra de Deus.

### Vida da primeira comunidade cristiá

32A comunidade dos crentes tiña un só co-
razón e unha soa alma, e ninguén considera-
ba coma seu o que posuía, senón que todas as
cousas eran comúns. 33Os apóstolos, con gran
poder, daban testemuño da resurrección do
Señor Xesús, e todos eles eran ben conside-
rados. 34Non había entre eles ningún necesi-
tado, porque todos os que tiñan bens ou casas
vendíanos, levaban os cartos e depositábanos
aos pés dos apóstolos, 35que repartían a ca-
daquén segundo precisaba. 36Así, Xosé, cha-
mado polos apóstolos Bernabé (que quere
dicir *fillo da consolación*), levita, natural de
Chipre, 37tiña un campo, vendeuno, levou os
cartos e depositounos aos pés dos apóstolos.

### Ananías e Safira: a fraude ao Espírito Santo

**5** 1Un home chamado Ananías, de acordo
con Safira a súa muller, vendeu unha pro-
piedade, 2gardou unha parte do prezo, sendo
ela sabedora, e o resto depositouno aos pés
dos apóstolos. 3Pero Pedro díxolle:

–Ananías, por que encheu Satanás o teu
corazón, para lle mentires ao Espírito Santo
e defraudares no prezo da propiedade? 4Non
eras libre de a venderes ou non? E vendida,
non continuaba no teu poder? Como se che
ocorreu faceres isto? Non enganaches os ho-
mes, enganaches a Deus.

5Ao sentir estas palabras, Ananías caeu
morto. E apoderouse un gran temor de todos
os que sentiron isto. 6Levantáronse os máis
novos, amortallárono e, levándoo para fóra,
enterrárono. 7Pasadas unhas tres horas entrou
a súa muller, que non sabía nada do caso, 8e
preguntoulle Pedro:

–Dime: vendestes a propiedade en tanto?

Ela contestou:

–Si, en tanto.

9Entón díxolle Pedro:

–Por que acordastes isto, para tentardes o
Espírito do Señor? Mira, chegan á porta os
pés dos que enterraron o teu home e vante
levar a ti tamén.

10No instante, caeu aos seus pés e morreu.
Cando entraron os mozos, atopárona morta e
enterrárona a carón do seu home. 11Un gran
temor apoderouse entón de toda a Igrexa e de
cantos sentiron estas cousas.

### Milagres dos apóstolos

12Pola man dos apóstolos facíanse moitos
sinais e prodixios entre o pobo. E todos se
xuntaban de común acordo no pórtico de Sa-
lomón; 13dos outros ninguén ousaba xuntarse
con eles, aínda que o pobo os tiña en grande
estima. 14A cantidade dos que crían no Señor,
homes e mulleres, medraba máis e máis, 15a
tal punto que quitaban para as rúas os en-
fermos en camas e padiolas, para que can-
do pasase Pedro, polo menos a súa sombra

**4**, 27 O feito de contar os romanos entre os que tiveron parte e responsabilidade na morte de Xesús, fai pensar que Lucas usa aquí un material moi primitivo sobre a paixón, posto que a súa tendencia é cargar as culpas sobre os xudeus (cf Lc **23**, 14-16; Feit **3**, 13-17; **5**, 28-30).

**4**, 31 Os sinais externos do Espírito son semellantes aos de Pentecoste, e o seu efecto fundamental a ousadía na predicación, o mesmo.

**4**, 35 Algúns autores coidan que a situación da comunidade está idealizada para subliñar que cumprían os ideais do A. T. (Dt **15**, 4). O feito de que a tradición conserve memoria dalgúns nomes concretos (Bernabé, Ananías, e Safira) fai pensar que, se cadra, os seus xestos eran algo excepcionais. Aínda que é obvia a doutrina bíblica e cristiá sobre as riquezas, que deben estar ao servizo de todos (do Reino de Deus), especialmente dos máis humildes, este texto nunca pretendeu –nin o podía– presentarse como solución técnica aos problemas da inxusta repartición dos bens. O texto apunta, si, cara ás implicacións do amor fraterno, que non debe acougar, nin ter reservas, na procura de resolver o problema que representa para a conciencia cristiá todo tipo de indixencia.

**5**, 5 Aparentemente a morte de Ananías, coma a da súa muller, son castigo divino, feito único (quizais coa excepción de **12**, 23) no N. T. O pecado consistiría non en reter unha parte dos cartos, senón en mentirlle ao Espírito, aparentando unha entrega total de bens (queda claro que non era obrigada), en realidade falsa. A narración parece coloreada polas características propias dos relatos populares. Lucas interpreta teoloxicamente: o Espírito é celoso da santidade da Igrexa.

**5**, 11 Aparece por primeira vez nesta obra a verba "ekklesia", da que deriva igrexa. En grego significa asemblea, xunta, concello, comunidade; pero no A. T. especializárase para designar a asemblea convocada para un xesto relixioso, de xeito que podiamos traducir por "asemblea convocada por Deus". Aplícase tanto ás comunidades locais (**8**, 1; **9**, 31; **13**, 1; **15**, 41, etc.), coma ao conxunto do único pobo de Deus (**20**, 28; 1 Cor **10**, 32; Ef **1**, 22, etc.), talmente o novo Israel de Deus (Gál **6**, 16).

cubrise algún deles. [16]Viña moita xente das vilas veciñas de Xerusalén e traía enfermos e atormentados por espíritos impuros, e todos quedaban curados.

### Prisión, liberación e interrogatorio dos apóstolos

[17]Entón o gran sacerdote e todos os seus, que formaban a seita dos saduceos, enchéronse de rabia; [18]botaron man dos apóstolos e metéronos na prisión pública. [19]Mais de noite, o anxo do Señor abriu as portas da prisión pública, fixoos saír e díxolles:

[20]–Ide, presentádevos no templo, e faládelle ao pobo toda a mensaxe desta vida.

[21]Sentindo isto, entraron no templo ao amencer e ensinaban. Mentres, chegou o xefe dos sacerdotes cos seus, reuniron o Sanedrín e todo o Senado israelita e mandáronos ir buscar á prisión, para facelos comparecer. [22]Mais, chegados os gardas á prisión, non os encontraron; volveron e contáronllelo.

[23]–Certamente o cárcere atopámolo pechado con toda seguranza, e as sentinelas montando garda diante das portas; pero, cando abrimos, non encontramos a ninguén dentro.

[24]Ao que sentiron estas palabras, tanto o oficial da garda do templo coma os xefes dos sacerdotes, cavilaban perplexos como sucedera aquilo. [25]Nisto chegou un que lles dixo:

–Os homes que encarcerastes están no templo e ensinando ao pobo.

[26]Entón foi o xefe da garda cos seus axudantes e trouxéronos; pero sen violencia, porque tiñan medo de que a xente lles tirase pedras. [27]En chegando, presentáronos ao Sanedrín. O xefe dos sacerdotes interrogounos:

[28]–Expresamente vos mandamos que non ensinásedes nese nome, e vós enchestes Xerusalén coa vosa doutrina. Vós queredes botar sobre nosoutros o sangue dese home.

[29]Pedro e os apóstolos responderon:

–Cómpre obedecer a Deus antes ca aos homes. [30]O Deus de nosos pais resucitou a Xesús, a quen vós matastes colgándoo dun madeiro; [31]pois a este enxalzouno Deus coa súa dereita, facéndoo Xefe e Salvador, a fin de lle outorgar a Israel a conversión e o perdón dos pecados. [32]E nós somos testemuñas destas cousas e tamén o Espírito Santo, que Deus dá aos que o obedecen.

[33]Ao sentiren isto, rabiaban de carraxe e querían matar. [34]Pero erguéndose no consello un fariseo que se chamaba Gamaliel, mestre da Lei, apreciado por todo o pobo, ordenou que, por un pouco, levasen para fóra aos apóstolos. [35]Dixo:

–Israelitas: Coidadiño co que ides facer con eses homes! [36]Porque nestes últimos tempos ergueuse Teudas, dicindo ser alguén, e xuntóuselle un número duns catrocentos homes: pero, en canto o mataron a el, todos os que o seguiron disolvéronse e non quedou nada. [37]Despois del nos días do empadroamento, alzouse Xudas o Galileo, que arrastrou xente tras el; tamén el morreu e todos os que o seguían se dispersaron. [38]E agora dígovos: Desentendédevos deses homes, deixádeos estar, que, se esta empresa ou esta obra é cousa de homes, desfarase por si mesma; [39]pero, se é de Deus, non a poderedes desfacer. Non vaia ser, mesmo, que vos encontredes loitando contra Deus!

E cadraron de acordo. [40]Entón chamaron polos apóstolos, e, despois de os azoutar, ordenáronlles que non falasen no nome de Xesús, e deixáronos ir. [41]Eles saíron de diante do consello moi alegres de resultaren dignos de sufrir por mor do Nome; [42]e cada día, no templo e nas casas, non paraban de ensinar e de anunciar a Boa Nova de que Xesús é o Mesías.

### Institución dos sete diáconos

**6** [1]Por aqueles días, como ía medrando o número dos discípulos, orixinouse un descontento dos helenistas contra os hebreos, porque se desatendía ás viúvas de fala grega no servizo diario. [2]Entón os Doce reuniron a asemblea dos discípulos e dixeron:

–Non está ben que deixemos a palabra de Deus para dedicármonos ao servizo das mesas. [3]Polo tanto, irmáns, escollede de entre vós sete homes de bo creto, cheos de Espírito

**5**, 30 *...colgándoo dun madeiro*: Cita de Dt **21**, 22, como máis adiante en Feit **10**, 39. Paulo tamén alude a esta pasaxe (Gál **3**, 13), e tira a conclusión de que a morte de Xesús, o Xusto, anula a maldición do Dt (Dt **21**, 23): idea que, se cadra, está tamén implícita nesta pasaxe.

**5**, 31 *Salvador*: É a primeira vez que se lle aplica a Xesús este título divino (Dt **32**, 15; Sal **25**, 5; Is **12**, 2; **45**, 22; Eclo **51**, 1) en Feitos (cf **13**, 23). O título, xunto co de *Xefe*, é propio de Cristo exaltado, que ten a función de salvar (**2**, 21; **4**, 12).

**5**, 37 Estas novas sobre movementos políticos contemporáneos a Xesús indican que a Palestina do seu tempo estaba lonxe de ser un país tranquilo. No ano 66 produciuse a sublevación que culminaría coa destrución do templo por Tito no ano 70 (cf Introd. N. T. 2. a).

**5**, 42 *...a Boa Nova de que Xesús é o Mesías:* Ou: "a Boa Nova de Xesús o Mesías".

**6**, 1 Os hebreos eran xudeus de Palestina de ascendencia hebrea (falaban o arameo, aínda que coñecesen o grego). Os helenistas, probablemente nados fóra de Palestina, vivían en Xerusalén, pero eran de fala grega, e nesa lingua lían a Biblia.

e sabedoría, e poñerémolos para este oficio.
[4]Nosoutros continuaremos dedicados á oración e ao servizo da palabra.
[5]A proposta gustou á asemblea, e elixiron a Estevo, home cheo de fe e do Espírito Santo, a Filipe e Prócoro, Nicanor, Timón, Pármenas e Nicolás, prosélito de Antioquía;
[6]presentáronllelos aos apóstolos, e, despois de orar, impuxéronlles as mans. [7]A palabra de Deus crecía, e medraba moito o número dos discípulos en Xerusalén e unha gran cantidade de sacerdotes aceptaban a fe.

### Arresto e xuízo de Estevo

[8]Estevo, cheo de graza e poder, realizaba grandes prodixios e sinais entre o pobo.
[9]Apareceron algúns da sinagoga chamada dos libertos, dos de Cirene, dos de Alexandría e dos de Cilicia e Asia, para discutiren con Estevo. [10]Pero non lle daban replicado á ciencia e ao Espírito con que falaba. [11]Entón subornaron uns homes, para que dixesen: "Sentímoslle blasfemar contra Moisés e contra Deus". [12]Así encirraron ao pobo, aos anciáns e aos mestres da Lei; e, arremetendo contra el, levárono ao consello. [13]Presentaron falsas testemuñas, que dicían:
–Este home non para de blasfemar contra este lugar santo e contra a Lei; [14]sentímoslle dicir que ese Xesús de Nazaré destruirá este sitio e cambiará os costumes que nos transmitiu Moisés.
[15]Entón todos os que estaban sentados no consello, fixaron a vista nel e o seu rostro pareceulles mesmamente o dun anxo.

### Discurso e testemuño de Estevo

**7** [1]Daquela o xefe dos sacerdotes preguntoulle:
–Son así as cousas?
[2]El respondeu:
–Irmáns e pais, escoitade: O Deus da gloria aparecéuselle ao noso pai Abraham cando estaba na Mesopotamia, antes de se establecer en Harán, [3]*e díxolle: Sae da túa terra e de onda os teus, e ven á terra que che indicarei*.
[4]Entón, saíu da terra dos caldeos, habitou en Harán e de alí, logo que finou seu pai, trasladouno Deus a esta terra na que vivides vós agora. [5]E non lle deu nela herdanza ningunha, nin sequera un pé de terreo, mais prometeulle que *lla daría en propiedade, e despois del á súa descendencia*, aínda que non tiña fillos.
[6]E faloulle Deus: *A túa descendencia será peregrina en terra allea e hana escravizar e maltratar durante catrocentos anos;* [7]*pero eu xulgarei á nación a quen sirvan como escravos*, dixo Deus, *e logo disto sairán e adoraranme neste sitio*. [8]E deulle a alianza da circuncisión e así, ao lle nacer Isaac, circuncidouno ao oitavo día; e Isaac a Xacob, e Xacob, aos doce patriarcas. [9]Os patriarcas, envexosos de Xosé, vendérono con destino a Exipto. Pero Deus estaba con el, [10]librouno de todos os seus traballos, e deulle graza e sabedoría *diante do faraón, rei de Exipto, que o constituíu gobernador do Exipto e de toda a súa casa*. [11]*Veu despois unha fame tan negra e tanta miseria sobre todo o Exipto e Canáan*, que nosos pais non achaban alimentos.
[12]Cando Xacob sentiu dicir que había trigo en Exipto, mandou alí a nosos pais por primeira vez. [13]A segunda vez, Xosé deuse a coñecer aos seus irmáns, e o faraón soubo a súa orixe. [14]Entón Xosé mandou chamar a seu pai Xacob e a todos os seus parentes, en total setenta e cinco persoas; [15]e Xacob baixou a Exipto. Morreu el e mais os nosos pais, [16]e levároos a Xequem e puxéronos na sepultura que Abraham comprara con prata aos fillos

**6**, 5 Que a Igrexa sexa xerárquica, non quita que o pobo participe na elección dos diversos ministerios.
**6**, 6 A imposición de mans (aínda usada hoxe como xesto de diversos sacramentos) non tiña un sentido único para a primitiva Igrexa. Era un xesto ritual que levaba consigo a transmisión do espírito recibido de Deus. Expresaba ademais comuñón e solidariedade, e podía ter o sentido amplo dunha bendición (cf Mt **19**, 15), de comunicación dun don espiritual (Feit **8**, **17**; 19, 6) ou a encomenda dunha función ou misión (Feit **6**, 6; **13**, 3).
**6**, 7 *...aceptaban a fe*: lit. "obedecían á fe" (cf Rm **1**, 5; **16**, 26).
**6**, 9 É probable que se refira aos descendentes dos xudeus levados a Roma por Pompeio como trofeo de guerra (o 63 a. C.), vendidos como escravos e logo liberados (cf **2**, 10).
**6**, 14 Parecen resoar aquí as mesmas acusacións que presentaron contra Xesús (Mc **14**, 58; cf Mc **2**, 23; **3**, 6).
**7**, 2 A maneira de dirixirse ao sanedrín, irmáns e pais, indica que Estevo se sentía membro dun mesmo pobo con eles. Pero centra o seu discurso que é un repaso da historia de Israel naqueles elixidos por Deus que refugan os seus irmáns. O acento está posto na necesaria loita coa situación establecida (simbolizada na absolutización do templo, atacada por Estevo) por parte dos elixidos: Abraham, Xosé, Moisés, Profetas e Xesús. Aparece aquí unha reflexión bastante madura sobre a historia da salvación e, se cadra, unha catequese xudeu-helenista (os cristiáns hebreos mantiñanse na práctica dentro do xudaísmo: **2**, 46; **3**, 1; **5**, 12-42; **11**, 3; **15**, 1-3; **21**, 20.
**7**, 3 Xén **12**, 1.
**7**, 4 Cf Xén **11**, 31-**12**, 1.
**7**, 5 Xén **12**, 7; cf **13**, 15; **15**, 18; **17**, 8; **24**, 7; **48**, 4.
**7**, 6s Xén **15**, 13-14 e Éx **3**, 12.
**7**, 10 Xén **39**, 21; **41**, 43; Sal **105**, 21.
**7**, 11 Xén **41**, 54.
**7**, 12 Cf Xén **42**, 1-2.
**7**, 13ss Cf Xén **45**-**46**.
**7**, 16 Cf Xén **50**, 7-13.

de Hamor, en Xequem. [17]A medida que se achegaba o tempo da promesa que Deus lle fixera a Abraham, o pobo medrou e inzou en Exipto, [18]ata que subiu ao trono de Exipto outro rei, que non coñecía a Xosé. [19]Obrando de xeito arteiro contra a nosa xente, maltratou a nosos pais, facéndolles abandonar aos seus picariños, para que non vivisen. [20]Nese tempo naceu Moisés, que atopou graza diante de Deus. Criárono durante tres meses na casa do pai; [21]e, cando o abandonaron, recolleuno a filla do faraón e criouno coma se fose fillo dela. [22]Moisés educouse en toda a ciencia dos exipcios, e era poderoso en palabras e mais en obras. [23]Cando ía nos corenta anos, veulle o desexo de visitar os seus irmáns, os israelitas. [24]Vendo a un que estaban maltratando, tomou a súa defensa, matou ao exipcio, e vingou ao oprimido. [25]Coidaba el que seus irmáns entenderían que pola súa man Deus lles ofrecía a salvación; pero non entenderon. [26]Para o outro día presentouse cando uns estaban a berrar e tratou de os poñer a ben, dicíndolles: "Sodes irmáns! Por que pelexades un co outro?". [27]Pero o que ofendía ao seu próximo, refugouno dicindo: "Quen te nomeou a ti xefe e xuíz noso? [28]Quéresme matar a min, como mataches onte ao exipcio?". [29]Cando tal sentiu, escapou e viviu coma estranxeiro na terra de Madián, onde tivo dous fillos.

[30]Logo de corenta anos, aparecéuselle un anxo no deserto do monte Sinaí, na lapa do lume dunha silveira. [31]Moisés, vendo isto, ficou admirado coa aparición. Ao se achegar para ver, sentiuse a voz do Señor: [32]*Eu son o Deus de teus pais, o Deus de Abraham, de Isaac, e de Xacob*. Pero Moisés, arrepiado, non ousaba mirar. [33]E díxolle o Señor: *Tira o calzado dos teus pés, porque o lugar onde estás é terra santa;* [34]*vin a aflición do meu pobo en Exipto, escoitei os seus laios e baixei para liberalos. Ven logo aquí, que te vou mandar a Exipto*.

[35]A este Moisés, de quen renegaran, dicindo "quen te constituíu xefe e xuíz?", foi a quen Deus mandou como xefe e liberador pola man do anxo, que se lle aparecera na silveira. [36]Foi el quen os fixo saír, obrando prodixios e sinais na terra de Exipto, no mar Vermello e no deserto, durante corenta anos. [37]Foi este Moisés quen lles dixo aos fillos de Israel: *Deus fará xurdir un profeta coma min de entre os vosos irmáns*. [38]Foi el quen na asemblea do deserto estivo como mediador entre o anxo que lle falaba no monte Sinaí e os nosos pais; el foi quen recibiu palabras de vida para nolas transmitir. [39]Foi el a quen nosos pais non quixeron obedecer, senón que o refugaron e no seu corazón volvéronse a Exipto, [40] dicíndolle a Aharón*: Fainos deuses que vaian diante de nós, pois non sabemos que foi deste Moisés, que nos quitou da terra de Exipto*.

[41]E naqueles días fabricaran un becerro, ofreceran un sacrificio ao ídolo, e festexaran a obra das súas mans. [42]Pero Deus volveulles as costas, e entregounos ao culto dos astros, como está escrito no libro dos profetas: *Seica me ofrecestes vítimas e sacrificios durante corenta anos no deserto, casa de Israel?* [43]*Levastes a tenda de Molok e a estrela do deus Refán (imaxes que vós fixestes), para adoralas. Pois eu deportareivos alén de Babilonia!*

[44]Os nosos pais tiñan no deserto a tenda da Alianza, como ordenara aquel que lle dixo a Moisés que a fixese conforme ao modelo que vira. [45]Os nosos pais recibírona en herdanza e, con Xosué á fronte, introducírona na terra dos pagáns, que Deus expulsou diante deles. Así foi ata os días de David, [46]que achou graza diante de Deus e que lle pediu permiso para lle facer unha morada ao Deus de Xacob. [47]Con todo, foi Salomón quen lla construíu. [48]Anque o Altísimo non habita en edificios feitos por mans de home; como di o profeta: [49]*O ceo é o meu trono*
*e a terra o estrado dos meus pés:*
*que casa me construiredes, di o Señor,*
*ou que sitio para o meu repouso?*
[50]*Non foi a miña man a que fixo todo iso?*

[51]Duros de testa e incircuncisos de corazón e oídos! Vós sempre resistides ao Espírito Santo! Sodes coma vosos pais. [52]A que profeta non perseguiron vosos pais? Mata-

**7**, 18s Cf Éx **1**, 7-8. 15-16.
**7**, 20s Cf Éx **2**, 1-10.
**7**, 23ss Cf Éx **2**, 11-15.
**7**, 27ss Éx **2**, 13-15.
**7**, 29 *Madián* é o devanceiro ancestral dunhas tribos nómades espalladas polo deserto, preto do golfo de Aqaba-Eilat (mar Vermello).
**7**, 30 Éx **3**, 1-2.
**7**, 32 Éx **3**, 6.
**7**, 33s Éx **3**, 2-10.
**7**, 37 Dt **18**, 15.
**7**, 38 *O anxo*: Un modo bíblico antigo de referirse a Deus sen manchar o seu nome, para salvagardar a súa transcendencia, era falar do "Anxo de Iavé". Aquí Estevo dá aínda un paso máis: distingue entre Iavé e o Anxo: só con este último se relacionaría Moisés de modo inmediato.
**7**, 40s Éx **32**, 1-23.
**7**, 42s Am **5**, 25-27 (LXX).
**7**, 49s Is **66**, 1-2.
**7**, 52 ... *o Xusto*...: Alusión ao Servo de Iavé, cf Is **53**, 11.

ron aos que anunciaron por adiantado a vinda do Xusto, do que vós agora vos fixestes traidores e asasinos: [53]vós que recibistes a Lei por mandado dos anxos e non a gardastes!

**Martirio de Estevo**

[54]Ao sentiren isto, adoecían e renxían os dentes contra Estevo. [55]Pero el, cheo do Espírito Santo e cos ollos cravados no ceo, viu a gloria de Deus e a Xesús de pé á dereita de Deus, [56]e dixo:

–Ollade, vexo o ceo aberto e o Fillo do Home, de pé, á dereita de Deus.

[57]Entón romperon a berrar, taparon os oídos, e todos á xunta arremeteron contra el; [58]quitárono fóra da cidade e comezaron a apedralo. As testemuñas deixaron os seus vestidos aos pés dun mozo chamado Saulo. [59]Apedraban a Estevo, que invocaba así:

–Señor Xesús, recibe o meu espírito!

[60]E posto de xeonllos, berrou con voz forte:

–Señor, non lles teñas en conta este pecado!

Dito isto, adormeceu para sempre.

**Persecución da Igrexa. Saulo entre os perseguidores**

**8** [1]Saulo aprobaba a súa morte. Aquel día levantouse unha grande persecución contra a Igrexa de Xerusalén, e todos, agás os apóstolos, dispersáronse polas terras da Xudea e da Samaria. [2]Uns homes piadosos enterraron a Estevo e fixeron por el un gran pranto. [3]En canto a Saulo, maltrataba a Igrexa: entraba polas casas, arrastraba homes e mulleres e mandábaos á cadea.

## EXPANSIÓN DA IGREXA POR PALESTINA

**Filipe evanxeliza Samaria**

[4]Os que se dispersaron, ían por todas partes anunciando a Boa Nova da Palabra. [5]Filipe baixou á cidade de Samaria e predicoulles ao Mesías. [6]O pobo, dun acordo, atendía ao que dicía Filipe, sentindo e vendo os sinais que facía; [7]pois de moitos posuídos saían espíritos impuros a berros, e moitos paralíticos e coxos quedaban curados. [8]A cidade encheuse de alegría.

[9]Había un home naquela cidade, chamado Simón, que exercía de meigo e pasmaba á xente de Samaria, dicíndolles ser alguén importante. [10]Todos, desde o máis pequeno ao máis grande, facíanlle caso, porque dicían: "Este é a forza de Deus, chamada a Grande". [11]E facíanlle caso, porque había tempo que os tiña pasmados con meiguerías. [12]Pero cando creron a Filipe, que anunciaba o Reino de Deus e o nome de Xesús Cristo, fixéronse bautizar homes e mulleres. [13]O mesmo Simón tamén creu e, despois de bautizado, andaba sempre con Filipe e ficaba abraiado ao ver os sinais e milagres que se facían.

[14]Ao sentiren dicir os apóstolos que estaban en Xerusalén, que Samaria acollera a palabra de Deus, mandáronlles a Pedro e a Xoán. [15]Baixaron logo alí, e oraron polos samaritanos, para que recibisen o Espírito Santo, [16]pois aínda non baixara sobre ningún deles: só os bautizaran no nome do Señor Xesús. [17]Entón, fóronlles impoñendo as mans e recibiron o Espírito Santo.

[18]Vendo Simón que pola imposición das mans dos apóstolos se daba o Espírito, ofreceulles cartos, [19]dicindo:

–Dádeme a min tamén ese poder para que aquel a quen lle impoña as mans, reciba o Espírito Santo.

[20]Mais Pedro respondeulle:

–Así rebentes ti e mais o teu diñeiro! Ti coidas que o don de Deus se pode adquirir con cartos? [21]Non tes parte nin sorte neste asunto, porque o teu corazón non é recto

**7**, 56ss Paralelismo co xuízo de Xesús. Cf Mc **14**, 62.
**7**, 58 É o futuro Paulo, protagonista da segunda parte dos Feitos. A partir de **13**, 9 améntase só co seu nome romanizado.
**8**, 5 Despois da evanxelización en Xerusalén descrita nestes sete primeiros cc., comeza agora a realizarse o plan de expansión, anunciado en **1**, 8, a cargo dos helenistas, contra os que ía dirixida a persecución. Semella que os hebreos gozaban de tranquilidade (**9**, 31).
**8**, 16 Parece que nos comezos o bautismo se realizaba no nome do Señor Xesús (**2**, 38; **8**, 16; **10**, 48; **19**, 5; 1 Cor **6**, 11), aínda que ben logo prevalecerá a fórmula trinitaria de Mt **28**, 19 (cf Didaxé **8**, 1-3).
**8**, 17 Non se trata de que o bautismo non sexa o sacramento polo que se recibía o Espírito. Xunto a el e vinculado a el aparece o outro rito, o da imposición das mans logo do bautismo, que semella significar a comuñón coa Igrexa (mándanse dous dos Doce) e a comunicación dalgún carisma especial do Espírito (cf **19**, 5).
**8**, 18 Desta pasaxe derívase a verba "simonía" (compra ou venda de bens espirituais), pecado que nunca pode pasar do intento, pois o don de Deus é libre e só o concede a quen El quere.

diante de Deus. [22]Arrepíntete desa malicia
túa, e pídelle ao Señor, a ver se che perdoa
o sentir do teu corazón, [23]pois vexo que estás
destinado á amargura do fel e ás cadeas dos
malvados.
[24]Simón respondeu:
–Rezade vós por min ao Señor, para que
non me acaia nada do que acabades de dicir.
[25]Eles entón, despois de testificaren e
anunciaren a palabra do Señor, volveron para
Xerusalén, evanxelizando en moitas aldeas
de Samaria.

### Filipe evanxeliza e bautiza un etíope

[26]Un anxo do Señor faloulle a Filipe deste
xeito:
–Anda, diríxete cara ao sur polo camiño
que baixa de Xerusalén a Gaza, a través do
deserto.
[27]Púxose en camiño e dirixiuse cara alá. Un
etíope, eunuco, funcionario de Candaces, raíña
da Etiopía, que estaba encargado de todos os
seus tesouros, fora a Xerusalén como peregri-
no. [28]De volta, sentado no seu carro, ía lendo
no profeta Isaías. [29]Díxolle o Espírito a Filipe:
–Achégate e ponte a par dese carro!
[30]Correndo Filipe, sentiu que ía lendo no
profeta Isaías e preguntoulle:
–Entendes o que les?
[31]Contestoulle:
–Como o vou entender, se ninguén mo
explica?
E convidou a Filipe a que subise a sentar
con el. [32]A pasaxe da Escritura que lía era
esta:

*Coma ovella levárono ao matadoiro;*
*e coma año mudo diante de quen o rapa,*
*así El non abría a súa boca.*
[33]*Humillárono, negándolle a xustiza,*
*quen contará a súa descendencia?*
*A súa vida foi arrincada da terra*.

[34]Diríxíndose a Filipe, díxolle o eunuco:
–Por favor, de quen di isto o profeta: de si
mesmo ou doutro?
[35]Filipe entón tomou a palabra, e, partindo
desa pasaxe da Escritura, anuncioulle a Boa
Nova de Xesús. [36]De camiño, chegaron a un
sitio con auga e dixo o eunuco:
–Aquí hai auga, por que non me podo bau-
tizar eu?
[38]E mandou parar o carro. Baixaron os
dous á auga, Filipe e mais o eunuco, e Filipe
bautizouno. [39]Cando subiron da auga, o Es-
pírito do Señor arrebatou a Filipe. O eunuco
xa non o viu máis, pero seguiu o seu camiño
cheo de alegría. [40]Filipe atopouse en Azoto e
evanxelizaba todas as vilas por onde pasaba,
ata chegar a Cesarea.

### Conversión de Saulo

**9** [1]Saulo, respirando aínda ameazas e morte
contra os discípulos do Señor, presentou-
se ao Sumo Sacerdote [2]e pediulle cartas para
as sinagogas de Damasco, a fin de que, se en-
contraba algúns que fosen deste novo cami-
ño, tanto homes coma mulleres, os puidese
levar presos a Xerusalén.
[3]De camiño, cerca xa de Damasco, acon-
teceu que, de súpeto, unha luz do ceo o en-
volveu co seu fulgor. [4]Caeu no chan e sentiu
unha voz que lle dicía:
–Xaúl, Xaúl, por que me persegues?
[5]El preguntou:
–Quen es ti, Señor?
Contestoulle:
–Eu son Xesús a quen ti persegues. [6]Pero
érguete, entra na cidade, e xa se che dirá o
que tes que facer.

**8**, 26 *Gaza* (en heb. "Azzah"): vila da Filistea, á beira do Mediterráneo, no camiño que vai de Exipto a Siria. O camiño de Xerusalén a Gaza comeza na porta occidental da Cidade, chamada por iso "Porta de Gaza".
**8**, 32s *Coma ovella levárono ao matadoiro...*: Cita de Is **53**, 7s segundo a versión grega dos LXX, referíndose á morte e aos sufrimentos do Xusto, é dicir, do Servo de Iavé (cf Feit **3**, 14; **7**, 52).
**8**, 37 Algúns ms. engaden o v. 37: "Respondeu Felipe: se cres de todo corazón, podes. El dixo: creo que Xesús Cristo é o Fillo de Deus". O texto non é uniforme: resulta, probablemente, dunha transcrición posterior de Feit **20**, 10 ou **26**, 14, ou dunha confesión bautismal.
**8**, 40 *Azoto*: Nome grego de Axdod, unha das vilas da Pentápolis filistea. Hoxe é un porto importante de Israel no Mediterráneo. *Cesarea*: A Cesarea Marítima, residencia dos Procuradores Romanos.
**9**, 1 É a primeira das tres narracións sobre a conversión de Paulo que nos ofrecen os Feitos (cf **22**, 1-16; **26**, 9-18), e aínda Gál **1**, 13-17. Teñen entre si algunhas lecturas diferentes, sobre todo no tocante aos sinais que percibiron os acompañantes, pero que non afectan ao núcleo central (Xaúl, Xaúl por que me persegues? Quen es, Señor? Eu son Xesús, a quen ti persegues) e que poden depender das diversas fontes de información que utilizou Lucas.
**9**, 3 En 1 Cor **9**, 1; **15**, 5, Paulo daralle a esta aparición a mesma entidade ca as que tiveron os apóstolos, e considerarase por tal motivo testemuña directa de Cristo resucitado e por iso apóstolo (1 Cor **9**, 1; **15**, 8-9). Lucas marca un paralelismo entre a misión de Paulo e a dos apóstolos (comparar **9**, 15-17 con **1**, 9 e **2**, 4-40), aínda que non chame apóstolo a Paulo (coa excepción de **14**, 4. 14, onde llo aplica tamén a Bernabé).
**9**, 4 O nome de Paulo aparece aquí na súa forma hebrea, Xaúl, repetida unicamente nas outras narracións da conversión. Ata aquí os Feitos chámanlle Saulo (**7**, 58; **8**, 1-3; **9**, 1), forma grega de Xaúl; a partir de **13**, 9 usará o nome de "Paulos", forma grega equivalente á latina "Paulus".
**9**, 5 Nótese a identificación entre Xesús e os seus, idea que logo Paulo desenvolverá nas súas cartas (cf 1 Cor **12**, 27; Ef **4**, 15s; Col **1**, 18) e que aparece tamén nos evanxeos (cf Mt **10**, 40; Xn **13**, 20).

7Os compañeiros de viaxe quedaron parados, estupefactos: sentían a voz, mais non vían a ninguén. 8Saulo ergueuse do chan, pero, malia ter os ollos abertos, non vía nadiña. Levárono pola man e introducírono en Damasco. 9Alí botou tres días sen ver, sen comer e sen beber.

10Había en Damasco un discípulo, chamado Ananías, e o Señor díxolle nunha visión:

–Ananías!

El respondeu:

–Aquí estou, Señor!

O Señor volveulle falar:

11–Vai á rúa Dereita, e procura na casa de Xudas a un home chamado Saulo de Tarso, que está orando. 12(En visión, viu Saulo a un home chamado Ananías entrar e impoñerlle as mans para que recobrase a vista).

13Ananías respondeu:

–Señor, teño oído falar moito dese home e do mal que lles ten feito aos teus santos en Xerusalén. 14E aquí ten poderes dos xefes dos sacerdotes, para prender a todos os que invocan o teu nome.

15Pero o Señor díxolle:

–Vai, que ese home é un instrumento escollido por min, para levar o meu nome diante dos pagáns, dos seus reis e mais dos israelitas. 16Heille mostrar o que ten que sufrir polo meu nome!

17Entón Ananías, poñéndose en camiño, entrou na casa, e impoñéndolle as mans, díxolle:

–Irmán Saulo, mándame o Señor Xesús –que se che apareceu no camiño polo que viñas–, para que recobres a vista e te enchas do Espírito Santo.

18No instante, quitáronselle dos ollos coma unhas escamas e recuperou a vista; ergueuse, e bautizouse. 19Despois comeu e volvéronlle as forzas.

### Saulo en Damasco

Pasou algúns días cos discípulos de Damasco, 20e axiña comezou a predicar a Xesús nas sinagogas, proclamando que era o Fillo de Deus. 21Todos os que o sentían ficaban pasmados e dicían:

–Pero non é este o que en Xerusalén fixo estragos entre os que invocan ese Nome, e viñera aquí para os levar presos diante dos sumos sacerdotes?

22Pero Saulo con máis ánimos confundía aos xudeus de Damasco, demostrando que Xesús era o Mesías.

23Logo de bastantes días, os xudeus ordenaron de o matar, 24mais Saulo chegou a saber o que andaban argallando. Día e noite vixiaban as portas da cidade, para lle daren morte. 25Pero algúns dos seus discípulos collérono de noite e descolgárono pola muralla, metido nun cesto.

### Saulo en Xerusalén e en Tarso

26Chegado a Xerusalén, procuraba xuntarse cos discípulos; pero todos lle tiñan medo, non crendo que fose discípulo de verdade. 27Pero Bernabé, colleuno consigo e levouno onda os apóstolos. Saulo contoulles que vira o Señor no camiño, que lle falara e que en Damasco predicara publicamente no nome de Xesús. 28Conviviu con eles en Xerusalén, predicando con ousadía no nome do Señor. 29Falaba e discutía tamén cos helenistas, pero estes querían matar. 30Ao sabelo, os irmáns levárono para Cesarea e fixérono seguir a Tarso.

### A Igrexa medra en toda Palestina

31Daquela, a Igrexa tiña paz en toda a Xudea, Galilea e mais Samaria. Crecía coma un edificio, progresaba na fidelidade ao Señor e coa asistencia do Espírito Santo ía aumentando en número.

### Pedro visita as Igrexas: curación dun paralítico

32Pedro, que as percorría todas, baixou visitar os santos que vivían en Lida. 33Encontrou alá un tal Eneas, que xacía paralítico nun catre desde había oito anos. 34Díxolle Pedro:

–Eneas: Xesús Cristo vaite curar. Érguete e fai ti mesmo o teu leito!

E axiña se puxo en pé. 35Todos os habitantes de Lida e de Sarón vírono e convertéronse ao Señor.

### Pedro devólvelle a vida a Tabita

36Había en Iope unha discípula de nome Tabita (que traducido quere dicir "Gacela"), chea de boas obras e de caridades. 37Por aqueles días enfermou e morreu. Despois de a lavaren, puxérona no cuarto de arriba. 38Como

**9**, 15 Lucas sinala aquí a xente entre a que Paulo desenvolverá a súa misión, da que dará conta no libro dos Feitos. Paulo considerará que o seu será a evanxelización dos pagáns (cf Rm **1**, 5; **11**, 13; Gál **1**, 8).

**9**, 20 Lucas pon este título só en boca de Paulo (tamén en **13**, 33).

**9**, 23 Guiándonos polos datos que achega o mesmo Paulo en Gál **1**, 17, hai que contar con que non foron só uns días (v. 19), senón tres anos.

**9**, 36 É propio de Lucas valorar altamente as esmolas aos pobres (cf **10**, 2. 4. 31; Lc **3**, 11; **6**, 30; **11**, 41; **12**, 33; **18**, 22; **19**, 8).

Lida está cerca de Iope, sentindo dicir os
discípulos que Pedro estaba alí, mandáronlle
dous homes con este recado: "Non tardes en
achegarte aquí!". [39]Pedro foi con eles. Cando
chegou levárono á sala de arriba onde se lle
presentaron chorando todas as viúvas, amo-
sándolle as túnicas e os mantos que facía a
Gacela cando estaba con elas. [40]Pedro entón,
mandou saír a xente toda, púxose de xeonllos
e orou; despois volveuse ao cadáver e dixo:

–Tabita, érguete!

Ela abriu os ollos e, ao ver a Pedro, in-
corporouse. [41]Pedro colleuna pola man, le-
vantouna e, chamando os santos e as viúvas,
presentóullela viva. [42]Isto sóubose en toda
a cidade de Iope e moitos creron no Señor.
[43]Pedro, ficou bastantes días en Iope, na casa
dun curtidor chamado Simón.

### O Espírito abre as portas da Igrexa aos pagáns: conversión de Cornelio

**10** [1]Había en Cesarea un home chamado
Cornelio, capitán da compañía chama-
da Itálica. [2]Era piadoso e seguidor da relixión
xudía, así coma todos os da súa casa. Dáballe moitas esmolas ao pobo e decote oraba a
Deus. [3]A iso das tres da tarde, tivo unha visión e viu claramente o anxo do Señor entrar
cabo del e dicirlle:

–Cornelio!

[4]Cheo de medo, e mirando fixo para el,
respondeu:

–Que é, Señor?

O anxo respondeulle:

–As túas oracións e as túas esmolas subiron diante de Deus e tenas presentes; [5]envía,
logo, uns homes a Iope e pásalle recado a un
certo Simón, tamén chamado Pedro. [6]Está
parando en cas dun tal Simón, curtidor, que
ten a casa á beira do mar.

[7]Cando marchou o anxo, chamou a dous
criados e un soldado piadoso dos que lle eran
máis fieis, [8]contoulles todo e mandounos a
Iope.

[9]Para o outro día, indo eles de camiño e
xa cerca da cidade, subiu Pedro á azotea a
orar. Era polo mediodía, [10]e sentindo fame,
quixo tomar algo. Mentres llo preparaban,
tivo unha éxtase: [11]viu o ceo aberto e coma
un gran lenzo, que, pendurado polas catro
puntas, baixaba cara á terra. [12]Había nel toda
clase de cuadrúpedes e réptiles da terra e de
todos os paxaros do ceo. [13]Unha voz díxolle:

–Érguete, Pedro, mata e come!

[14]Mais Pedro respondeu:

–De ningunha maneira, Señor, porque
nunca comín cousa impura ou profana.

[15]De novo, por segunda vez, chegoulle
unha voz:

–O que Deus purificou, non o chames ti
profano.

[16]Isto sucedeu por tres veces, e, de súpeto,
aquel obxecto volveuse para o ceo. [17]Estaba
Pedro moi sorprendido, cavilando que que-
ría dicir aquela visión que tivera, cando os
homes mandados por Cornelio, ao acertaren
coa casa de Simón, presentáronse na porta,
[18]e, dando un berro, preguntaron se paraba alí
Simón, o chamado Pedro. [19]Estando Pedro
matinando na visión, díxolle o Espírito:

–Hai aí uns homes que te buscan: [20]baixa
e vaite con eles sen escrúpulos, porque os
mandei eu.

[21]Pedro baixou ao encontro deles e díxolles:

–Son eu o que buscades, que é o que vos
trae?

**10**, 1-48 A importancia desta pasaxe radica en que, pola incorporación do pagán Cornelio e mais os seus á Igrexa, esta ábrese ao mundo dos xentís, comezando así a romperse os fortes vínculos que ataban a fe cristiá á práctica do xudaísmo. Era o principal problema con que se atopaba a primitiva Igrexa e que, resolto (cf **11**, 1-18; **15**), había de representar o inicio da súa catolicidade. As viaxes misioneiras de Paulo e Bernabé presentan doutro xeito a apertura cara a esa nova realidade. En ambos os dous casos a iniciativa corresponderá ao Espírito (**10**, 20. 44; **13**, 2. 4).
**10**, 14 Para a nosa mentalidade resultan estrañas as ideas de "pureza" e "impureza" tal como as vivían os xudeus: para eles, non eran tanto uns conceptos morais canto as situacións en que se podía achar a persoa ou as cousas en relación co sagrado e co santo (en primeiro lugar Deus, as cousas do culto, e tamén o pobo de Israel, que debía ser santo, coma o seu Deus (Lev **19**, 2; **20**, 26). A situación de "impureza", é dicir, de incapacidade non só para as funcións santas ou sagradas, mais tamén para as da vida normal (que na situación do pobo de Israel como pobo santo de Deus Dt **7**, 6; **14**, 2 estaba toda ela chamada a ser santa), podía ser o resultado do contacto con persoas, animais ou cousas impuras, mais tamén co sagrado, en si intocable.
Non sabemos exactamente as razóns polas que a uns animais determinados os consideraban impuros os xudeus. Algúns, parece certo, porque os utilizaban os pagáns para os seus sacrificios ou prácticas de meiguerías (caso do porco), outros por razóns que no seu comezo serían de hixiene ou noxo.
**10**, 15 O tema da visión recorda o problema dos alimentos (puros-impuros) entre os cristiáns xudeus (seguidores aínda das leis mosaicas) e os cristiáns que foran pagáns (cf Gál **2**, 11-14). En todo caso, a conclusión que se tira dela vai alén dese problema: a diferenza entre "homes" puros e impuros (cf nota anterior) non vale aos ollos de Deus (cf **10**, 28; **15**, 9). A fe, e nun sentido máis amplo, a "presenza do Espírito", é a que purifica o corazón da persoa. Tamén no noso tempo os crentes estamos chamados a saber descubrir a presenza do Espírito alén das fronteiras da pertenza ao pobo de Deus que marcan as leis eclesiásticas externas.

22Eles responderon:
–O centurión Cornelio, home cabal e
adepto ao xudaísmo, moi estimado por toda
a nación xudía, recibiu aviso dun santo anxo
para que te mandase chamar á súa casa e que
te escoitase.
23Entón Pedro fíxoos entrar e deulles pou-
sada. Para o outro día levantouse e marchou
con eles, acompañado por algúns irmáns de
Iope, 24e chegou a Cesarea o día seguinte.
Cornelio, que xuntara os seus parentes e ami-
gos máis íntimos, xa os estaba agardando.
25Cando Pedro ía entrar, foi Cornelio á porta
e botándoselle os pés, prostrouse. 26Pero Pe-
dro levantouno, dicíndolle:
–Érguete, que eu tamén son un home.
27E, falando con el, entrou. Encontrou
moita xente xunta 28e díxolles:
–Vós sabedes que non se lle permite a
un xudeu ter trato cun estranxeiro ou entrar
na súa casa; pero Deus ensinoume que non
se debe chamar profano ou impuro a home
ningún. 29Por iso, ao me chamardes, vin sen
reparos. E pregúntovos, logo: Por que me
mandastes chamar?
30Respondeulle Cornelio:
–Hai catro días, ás tres da tarde, estaba eu
rezando na miña casa, cando se presentou un
home con vestiduras brancas que relucían 31e
dixo: "Cornelio, a túa oración escoitouse, e
as túas esmolas recórdanse diante de Deus;
32manda, logo, uns homes a Iope, e manda
buscar un tal Simón, tamén chamado Pedro,
que para en cas Simón o curtidor, a rentes do
mar". 33Mandeiche axiña recado e tiveches a
amabilidade de vir. Agora, todos nós estamos
na presenza de Deus para oírmos todo o que
o Señor che mandou.
34Tomou entón Pedro a palabra e dixo:
–Abofé, vexo que Deus non fai distinción
de persoas, 35senón que acepta ao que lle é
fiel e practica a xustiza, sexa da nación que
sexa. 36El mandoulles a súa palabra aos fillos
de Israel, anunciándolles a Boa Nova da paz
por Xesús Cristo: este é o Señor de todos.
37Vós sabedes o que pasou en toda a Xudea,
comezando desde Galilea, despois do bautis-
mo que Xoán predicou: 38como Deus unxiu
con Espírito Santo e con poder a Xesús de
Nazaré, que pasou facendo o ben e curando a
todos os que estaban asoballados por Satán,
pois Deus estaba con el. 39E nós somos teste-
muñas de todo o que fixo no país dos xudeus
e mais en Xerusalén. Matárono, colgándoo
dun madeiro. 40A este resucitouno Deus ao
terceiro día e concedeulle que se deixase ver,
41non de todo o pobo, senón das testemuñas
escollidas de antemán por Deus: nós que co-
memos e bebemos con el, logo de que resu-
citou de entre os mortos. 42E mandounos que
predicásemos ao pobo e atestemos que el é
quen foi constituído por Deus xuíz de vivos
e de mortos. 43El é de quen todos os profetas
dan este testemuño: cantos crean nel recibi-
rán polo seu nome o perdón dos pecados.
44Aínda Pedro estaba a dicir estas cou-
sas, cando o Espírito Santo veu sobre todos
os que escoitaban a palabra. 45Os crentes da
circuncisión, que viñeran con Pedro, ficaron
cheos de asombro, ao veren que o don de Es-
pírito Santo tamén se espallaba sobre os pa-
gáns, 46pois sentíanos falar en linguas e loar a
Deus. Entón Pedro dixo:
47–Pode alguén negarlle a auga do bautis-
mo aos que recibiron o Espírito Santo o mes-
mo ca nós?
48E mandou que os bautizasen no nome de
Xesús Cristo. Entón pedíronlle que quedase
con eles algúns días.

### A Igrexa de Xerusalén acolle os pagáns conversos

**11** 1Os apóstolos e os irmáns da Xudea
sentiron dicir que tamén os pagáns
recibiran a palabra de Deus. 2Cando Pedro
subiu a Xerusalén, os da circuncisión botá-
banlle na cara:
3–Ti fuches á casa de incircuncisos e co-
miches con eles!
4Entón Pedro explicóullelo punto por punto.
5–Estaba eu na cidade de Iope, orando,
cando tiven en éxtase unha visión: era un
obxecto talmente coma un gran lenzo, que
baixaba do ceo pendurado polas catro puntas
e chegou onda min. 6Mirando para el e ob-
servando con atención, vin os cuadrúpedes da
terra, as feras, os réptiles e os paxaros do ceo;
7e sentín unha voz que me dicía: "Érguete, Pe-
dro, mata e come!". 8Pero eu dixen: "De nin-
gunha maneira, Señor, porque nunca levei á
boca nada profano ou impuro". 9Por segunda
vez sentín a voz do ceo: "O que Deus purifi-
cou, non o chames ti profano". 10Isto pasou
tres veces, e despois retirouse todo para o ceo.
11E, fixádevos, nisto preséntanse na casa onde
estabamos tres homes que mandaran desde
Cesarea en busca miña. 12Díxome entón o Es-
pírito que fose con eles sen reparos. Viñeron

**10**, 38 *...Xesús de Nazaré...:* Clara alusión a Is **42**, 7 e **61**, 1 (cf Lc **4**, 16-21).

**10**, 44 É a Pentecoste dos pagáns, paralela ao dos xudeus-cristiáns de **2**, 4.
**11**, 3 Cf notas a **10**, 14 e **10**, 15.

tamén comigo estes seis irmáns, e entramos na casa do home, [13]que nos contou como vira ao anxo presentárselle na súa casa e dicir: "Manda alguén a Iope a por Simón, chamado Pedro; [14]el hache dicir palabras polas que te salvarás ti e todos os da túa casa". [15]E cando comezaba eu a falar, veu o Espírito Santo sobre eles talmente como veu sobre nós ao comezo. [16]Lembrei entón as palabras do Señor, cando dicía: "Xoán bautizou con auga, pero vós bautizarédesvos co Espírito Santo". [17]E pois, se Deus lles concedeu o mesmo don ca a nós, por creren no Señor Xesús Cristo, quen era eu para me opoñer a Deus?

[18]Ao sentiren isto, acougaron e glorificaron a Deus, comentando:

—Daquela, Deus tamén concedeu aos pagáns o arrepentimento, para acadaren a vida!

## EXPANSIÓN DA IGREXA FÓRA DE PALESTINA

### A Igrexa en Antioquía. Unión coa comunidade de Xerusalén

[19]Os que se dispersaran fuxindo da persecución orixinada por causa de Estevo, chegaron ata a Fenicia, Chipre e Antioquía, sen predicaren a ninguén a palabra, agás aos xudeus. [20]Con todo, houbo algúns de entre eles, homes de Chipre e de Cirene, que chegados a Antioquía comezaron a falar tamén cos gregos, anunciándolles a Boa Nova do Señor Xesús. [21]A man do Señor estaba con eles e moitos creron e convertéronse ao Señor. [22]Chegaran estas novas aos oídos da Igrexa de Xerusalén, e mandaron a Antioquía a Bernabé. [23]Cando chegou e viu a graza de Deus, encheuse de alegría e animaba a todos a se conservaren unidos ao Señor co corazón firme, [24]pois era un home bo, cheo de Espírito Santo e de fe. E foi moita a xente que se uniu ao Señor.

[25]Daquela, Bernabé foi a Tarso en busca de Saulo; [26]e, cando o atopou, levouno para Antioquía. Durante un ano enteiro estiveron xuntos naquela Igrexa, adoutrinando a moita xente. Foi en Antioquía onde por primeira vez aos discípulos lles chamaron "cristiáns". [27]Por aqueles días baixaron a Antioquía uns profetas de Xerusalén. [28]Un deles, chamado Agabo, ergueuse e, movido polo Espírito, anunciou que ía haber unha gran fame por toda a terra (foi a que houbo no tempo de Claudio). [29]Os discípulos ordenaron de mandar un auxilio aos irmáns de Xudea, cadaquén conforme aos seus posibles. [30]E así o fixeron, mandándollelo aos responsables pola man de Bernabé e de Saulo.

### Agripa I persegue á Igrexa. Martirio de Santiago. Prisión e liberación de Pedro

**12** [1]Por ese tempo o rei Herodes botou man dalgúns membros da Igrexa, para os maltratar. [2]Mandou matar coa espada a Santiago, o irmán de Xoán, [3]e, vendo que iso lles agradaba aos xudeus, mandou prender tamén

**11**, 16 Cf **1**, 5.

**11**, 20 Antioquía, capital do antigo imperio sirio e, neste tempo, sede do gobernador romano, era unha populosa cidade, con case medio millón de habitantes, unha das máis importantes do imperio. Nela formaríase a primeira comunidade, integrada por cristiáns que viñan do xudaísmo e do paganismo; axiña se convertería en centro de irradiación para a evanxelización dos pagáns (cf **13**, 1-2; **14**, 24-28; **15**, 35-41).

**11**, 21 Polo contexto todos os comentaristas están de acordo en que se trata de pagáns ("gregos") que se bautizaron sen pasaren pola circuncisión, isto é, polo xudaísmo.

**11**, 22 Como antes Pedro e Xoán (**8**, 14), tamén agora mandan un representante da Igrexa nai de Xerusalén a revisar o labor evanxelizador en Antioquía e establecer lazos de comuñón e unidade.

**11**, 26 *Cristiáns*: seguidores de Cristo. Resulta importante, porque revela que a palabra Cristo (= Unxido, Mesías) pasara xa de ser un simple título de Xesús a aplicarse como un nome propio (na súa orixe, probablemente, por parte dos pagáns).

**11**, 27 Se no A. T. profeta era o que comunicaba a mensaxe de Deus aos homes, os profetas cristiáns (cf 1 Cor **12**, 28-29; **14**, 29-33) eran os inspirados por Deus para animar, corrixir e consolar; eran, xa que logo, predicadores, que tiñan como función confirmar a Igrexa. No N. T. aparece como función propia do profeta a previsión do futuro (Feit **12**, 27-28; **21**, 9-11).

**11**, 28 *Claudio*: emperador romano entre os anos 41-54. Segundo o historiador xudeu Xosefo, en Palestina fixose sentir a fame entre os anos 44-48, probablemente o 46.

**11**, 30 *Responsables*: lit. "presbíteros" (cf nota a **14**, 23). Non é imposible que aquí se refira aos mesmos Doce (apóstolos). Por iso escollemos o termo amplo: "responsables".

**12**, 1 Trátase de Herodes Agripa I, neto de Herodes o Grande. Gobernaba na Transxordania desde o ano 37 co título de rei, e, grazas as súas boas relacións cos emperadores romanos Calígula e Claudio, fóronlle encomendados tamén os territorios de Galilea e Perea (ano 39), e mais os de Xudea, Samaria e Idumea (ano 41), de xeito que o seu reino chegou a ser case tan extenso coma o de Herodes o Grande. Non se confunda con Herodes Antipas, tetrarca de Galilea en tempos do Bautista e de Xesús. Polas datas sinaladas, e, tendo en conta que morreu no ano 44, hai que situar esta persecución entre os anos 41-44.

a Pedro. Era a semana da Pascua. [4]Prendeuno, logo, e meteuno na cadea, gardándoo con catro piquetes de catro soldados cada un. Quería presentalo diante do pobo despois da Pascua. [5]Mentres Pedro estaba retido no cárcere, a Igrexa rezaba intensamente a Deus por el.

[6]A noite antes de que Herodes o presentase diante do pobo, estaba Pedro durmindo entre dous soldados, ligado con dúas cadeas, e unhas sentinelas facían a garda diante da porta da prisión. [7]De súpeto, presentouse o anxo do Señor, e unha luz resplandeceu na cela; e, tocándolle no costado, espertou a Pedro e díxolle:

–Érguete correndo!

E caéronlle as cadeas das mans. [8]Entón díxolle o anxo:

–Pon o cinto e calza as sandalias.

E así o fixo. Despois díxolle:

–Bota o manto por riba e sígueme.

[9]Pedro saíu e seguiuno, sen se dar conta que era realidade o que se facía por medio do anxo, pois coidaba que era unha visión. [10]Atravesaron a primeira garda e logo a segunda, e chegaron á porta de ferro que daba á cidade e abriuse ela soa. E ao saíren á rúa, logo o deixou o anxo. [11]Entón Pedro, volvendo en si, dixo:

–Agora realmente vexo que o Señor mandou o seu anxo, para me librar das mans de Herodes e de todo o que esperaba o pobo xudeu.

[12]E xa con todo o acordo, dirixiuse á casa de María, a nai do Xoán, chamado Marcos, onde había moita xente reunida rezando. [13]Petou na porta da entrada e unha criada, chamada Rode, foi ver quen era. [14]Recoñeceu a voz de Pedro e deulle tal alegría, que, se había de abrir o portal, correu a avisar que Pedro estaba na porta.

[15]–Estás tola! –dixéronlle.

Mais ela aseguraba que era certo. Os outros dicían:

–Será o seu anxo.

[16]Pedro seguía petando. Entón abriron, e ao velo, ficaron pasmados. [17]Acenoulles coa man para que calasen e contoulles como o Señor o librara da prisión; e díxolles:

–Mandádelle recado a Santiago e aos irmáns.

E liscou de alí para outro sitio. [18]Ao abrir o día armouse un bo rebumbio entre os soldados, preguntándose que sería de Pedro. [19]Cando Herodes mandou por el e non o encontraron, interrogou aos gardas e mandounos executar. Despois baixou de Xudea a Cesarea e quedou alí.

### Morte de Herodes Agripa I

[20]Herodes estaba aborrecido cos de Tiro e Sidón. Estes presentáronselle en comisión e, logo de gañaren para a causa deles a un tal Blasto, xefe da casa do rei, solicitaron a paz, pois o seu país dependía economicamente do territorio do rei. [21]No día sinalado, Herodes, revestido co manto real e sentado na tribuna, dirixíulles un discurso. [22]O pobo berraba:

–É a voz dun deus, non a dun home!

[23]E no intre feriuno o anxo do Señor por non ter dado gloria a Deus. Morreu comesto dos vermes.

### Bernabé e Saulo volven para Antioquía

[24]A palabra de Deus medraba e multiplicábase. [25]Bernabé e Saulo, cumprida a súa misión en Xerusalén, volvéronse levando con eles a Xoán, de sobrenome Marcos.

**12**, 12 De Xoán Marcos dinnos as Escrituras que era parente de Bernabé (Col **4**, 10), compañeiro por algún tempo da primeira viaxe misioneira deste e de Paulo (**13**, 5. 13), e causa da diverxencia entre os dous (**15**, 37-39). Mais logo aparece como «útil» colaborador de Paulo (2 Tim **4**, 11) e unido a Pedro, que o considera coma un fillo (1 Pe **5**, 13). Considérase autor do segundo evanxeo; e para a tradición, moi unido á figura de Pedro.

**12**, 17 Trátase de Santiago, "irmán" do Señor (Gál **1**, 19), nome que os semitas empregaban en sentido amplo para designar tamén a curmáns e outros parentes (Xén **13**, 8; Lev **10**, 4; cf Mc **6**, 3 e nota a Xn **2**, 12). Non se debe confundir con Santiago do Zebedeo ou o "Maior", nin con Santiago de Alfeo, ambos do grupo dos Doce. Aínda que non era do grupo dos apóstolos, fora testemuña das aparicións do resucitado (1 Cor **15**, 7) e desempeñou desde o comezo un importante papel na comunidade de Xerusalén (Feit **12**, 17; **15**, 13; **21**, 28; Gál **1**, 18-19). Considérase autor da carta do seu nome.

**12**, 23 O historiador xudeu Xosefo describe a morte de Agripa I dun xeito semellante, pero sen a interpretación teolóxica que incorpora aquí Lucas.

PRIMEIRA VIAXE DE PAULO

### O Espírito e a Igrexa de Antioquía mandan a Bernabé e Paulo á primeira viaxe misioneira

**13** [1]Había na Igrexa de Antioquía profetas e mestres: Bernabé, Simeón chamado Níxer, Lucio de Cirene, Menahén compañeiro de infancia do tetrarca Herodes, e Saulo. [2]Estando nunha reunión litúrxica con xaxún, dixo o Espírito Santo:

–Apartade a Bernabé e Saulo para a obra á que os teño chamados.

[3]Entón, logo de xaxuaren e ororen, impuxéronlles as mans e despedíronos.

### En Chipre. O meigo e a conversión do procónsul

[4]Por tanto, mandados polo Espírito Santo, baixaron a Seleucia e desde alí embarcaron para Chipre. [5]Chegados a Salamina, comezaron a anunciar a palabra de Deus nas sinagogas dos xudeus, levando a Xoán de axudante. [6]Despois de atravesaren toda a illa ata Pafos, atoparon alí un xudeu, meigo e falso profeta, chamado Barxesús, [7]que estaba co procónsul Serxio Paulo, home prudente. Este mandou chamar a Bernabé e Saulo, ansiando escoitar a palabra de Deus. [8]Pero Elimas, "o meigo" (que así se traduce o seu nome), opúxoselles, procurando arredar o procónsul da fe. [9]Entón Saulo, tamén chamado Paulo, cheo do Espírito Santo, fixando nel os seus ollos, [10]exclamou:

–Estás cheo de andrómenas e de ruindade, fillo do demo, inimigo de todo o bo: non deixarás de torcer os camiños rectos do Señor? [11]Pois agora vai vir sobre ti a man do Señor; ficarás cego, e non verás a luz do sol por algún tempo.

E no instante caeron enriba del a escuridade e as tebras e, tentando ao arredor, buscaba quen o guiase pola man. [12]Entón o procónsul, vendo o sucedido, abrazou a fe, impresionado pola doutrina do Señor. [13]Paulo e os seus compañeiros embarcaron en Pafos, e dirixíronse a Perxe de Panfilia. Pero Xoán deixounos e deu volta para Xerusalén.

### A predicación de Paulo aos xudeus en Antioquía de Pisidia

[14]Eles, desde Perxe, seguiron a Antioquía de Pisidia. Un día de sábado entraron na sinagoga e sentaron. [15]Despois da lectura da Lei e dos Profetas, os xefes da sinagoga mandáronlles dicir:

–Irmáns, se tedes algunha palabra para animar ao pobo, falade.

[16]Paulo entón, levantándose, acenoulles coa man e dixo:

–Israelitas e os que seguides ao noso Deus, escoitade: [17]o Deus deste pobo de Israel escolleu a nosos pais e engrandeceu este pobo durante o seu exilio na terra de Exipto; despois tirounos de alí coa forza do seu brazo. [18]Durante corenta anos soportounos no deserto, [19]e, despois de destruír sete nacións na terra de Canaán, deulles en posesión a súa terra: [20]isto durou uns catrocentos cincuenta anos. Despois diso deulles xuíces ata o profeta Samuel; [21]logo pediron un rei, e Deus deulles durante corenta anos a Xaúl, fillo de Quix, da tribo de Benxamín; [22]despois que o refugou, deulles por rei a David, de quen testemuñou dicindo: *Atopei a David, fillo de Iexé, home conforme ao meu corazón*, que fará en todo a miña vontade. [23]Da súa descendencia é da que Deus, segundo a promesa, mandou un Salvador para Israel: Xesús. [24]Antes da súa chegada, Xoán tiña proclamado a todo o pobo de Israel un bautismo de conversión,

**13**, 1 Cf nota a **11**, 27. Os mestres ou doutores serían os encargados da catequese, xente instruída no coñecemento das Escrituras e capaces de ensinar (cf 1 Cor **12**, 8-9).
**13**, 3 Sobre o rito da imposición de mans, cf nota a **6**, 6. Neste contexto parece ter un sentido de bendición (cf Xén **48**, 8-14) e mandato misioneiro (cf **14**, 26; **15**, 40).
**13**, 5 O principio teolóxico (e se cadra tamén táctico) de evanxelizar primeiro aos xudeus, mantense ao longo dos Feitos (**13**, 14. 46; **14**, 1; **17**, 2. 10. 17; **18**, 4-9; **19**, 8; **28**, 17. 23; cf Rm **2**, 9s).
**13**, 8 Non está clara esta relación que establece Lucas entre o nome propio Elimas e o seu significado de meigo.
**13**, 12 Lucas quere poñer o acento da conversión na excelencia da doutrina, máis ca no medo.
**13**, 15 O culto na Sinagoga era semellante ao que chamamos hoxe a "celebración da palabra". Consistía en: 1) dúas oracións fixas: a tomada de Dt **6**, 4-9 (o famoso "Escoita, Israel"), na que se evocaban os principais mandamentos da Lei coa obriga de os transmitir, e a oración das dezaoito bendicións; 2) dúas lecturas, unha da Tora (Pentateuco) e outra dos Profetas; 3) a homilía, que podía facela calquera membro adulto –costume que seguiría na primitiva comunidade cristiá– (cf **20**, 2; 1 Cor **14**, 3. 31; 1 Tim **4**, 13-14) e a bendición sacerdotal.
**13**, 16 A Paulo convídano a facer a homilía, que se converte nun típico sermón misioneiro, dirixido aos xudeus. A primeira parte recorda o discurso de Estevo (vv. 17-22); a segunda, a predicación de Pedro (vv. 23-37 comparados con **2**, 22-32. 38-39); a última (vv, 38-41) é tipicamente paulina (cf Sal **3**, 10ss; Rm **3**, 20; **4**, 25).
**13**, 22 Combinación de frases tomadas de 1 Sam **13**, 14; Sal **89**, 21; Is **44**, 28.

[25]e cando estaba rematando o seu camiño,
dicía: "Non son eu quen vós pensades; pero
mirade, vén despois de min un de quen non
son digno nin de desamalloarlle o calzado
dos pés".
[26]Irmáns, descendentes de Abraham e os
que seguides ao noso Deus: é a nós a quen
se nos manda esta mensaxe de salvación. [27]É
certo que os veciños de Xerusalén e os seus
gobernantes descoñeceron a Xesús e, conde-
nándoo, cumpriron as palabras dos profetas,
que se len todos os sábados. [28]Aínda que non
atoparon nel nada que merecese a morte, pe-
díronlle a Pilatos que o mandase matar. [29]E,
cando cumpriron todo o que acerca del esta-
ba escrito, baixárono do madeiro e puxérono
nun sepulcro. [30]Pero Deus resucitouno de en-
tre os mortos; [31]e durante moitos días apare-
ceuse aos que subiran con el de Galilea para
Xerusalén, que son agora as súas testemuñas
diante do pobo.
[32]E nós anunciámosvos a boa nova de que
a promesa feita aos nosos pais [33]a cumpriu
en nós, os seus fillos, resucitando a Xesús,
conforme estaba escrito no salmo segundo:
*Ti es o meu Fillo: eu xereite hoxe*. [34]E que o
resucitou de entre os mortos, para non volver
nunca mais á morte, díxoo así: *Heivos conce-
der os beneficios asegurados a David*. [35]Por
iso di noutra pasaxe: *Non permitirás que o
teu Santo experimente a corrupción*. [36]Ora
ben, David, logo de cumprir no seu tempo
o plan de Deus, morreu, xuntouse con seus
pais e experimentou a corrupción, [37]mentres
que aquel que Deus resucitou non coñeceu
corrupción ningunha.
[38]Sabede, logo, irmáns, que por medio del
se vos anuncia o perdón dos pecados, e que
de todo aquilo do que vós non vos puidestes
xustificar mediante a Lei de Moisés, [39] me-
diante el pode xustificarse todo o que cre.
[40]Moito coidadiño de que non vos pase o que
din os Profetas:

[41]*Mirade, os escépticos,*
*para que vos pasmedes e caledes,*
*vou facer nos vosos días tal obra,*
*que, se vola contan, non a credes!*

[42]Ao saíren, pedíanlles que, para o outro
sábado, lles seguisen falando do mesmo
asunto. [43]Cando se desfixo a asemblea, moi-
tos xudeus e prosélitos practicantes seguiron
a Paulo e Bernabé, que, falando con eles, os
animaban a perseverar na graza de Deus.

### Paulo e Bernabé diríxense aos pagáns de Antioquía de Pisidia

[44]O outro sábado xuntouse case toda a ci-
dade para escoitar a palabra de Deus; [45]pero
os xudeus enchéronse de envexa, ao veren
tanta xente, e opoñíanse con insultos ao que
Paulo dicía. [46]Entón Paulo e Bernabé dixeron
ousadamente:

—Tiñamos que anunciarvos a palabra de
Deus primeiro a vós; pero, visto que a refu-
gades e non vos considerades dignos da vida
eterna, volvémonos cara aos pagáns, [47]pois
así nolo mandou o Señor:

*Púxente como luz dos xentís,*
*para levares a salvación*
*ata os confíns da terra*.

[48]Os pagáns, sentindo isto, enchíanse de
alegría, loando a mensaxe do Señor; e to-
dos os que estaban destinados á vida eterna,
creron. [49]Deste xeito a palabra de Deus es-
pallábase por toda a bisbarra. [50]Pero os xu-
deus encirraron ás señoras de alta categoría
que eran devotas e aos principais da cidade e
promoveron unha persecución contra Paulo
e Bernabé, expulsándoos do seu territorio.
[51]Estes, sacudindo contra eles o po dos seus
pés, marcharon para Iconio, [52]mentres os dis-
cípulos ficaban cheos de alegría e do Espírito
Santo.

### Evanxelización de Iconio, e persecución dos xudeus

**14** [1]En Iconio sucedeu o mesmo: entraron
xuntos na sinagoga dos xudeus e fa-
laron de tal xeito que creron moitos xudeus
e gregos; [2]pero os xudeus que non creron,
enlizaron e puxeron a mal aos pagáns con-
tra os irmáns. [3]Con todo botaron alí bastante
tempo, e falaban con ousadía, pois confiaban
no Señor, que testemuñaba a mensaxe da súa

**13**, 25 Paulo, nas cartas, nunca fará referencia ao Bautista. A súa aparición aquí declara moi posiblemente a man de Lucas.
**13**, 33 Sal **2**, 7.
**13**, 34 Is **55**, 3.
**13**, 35 Sal **16**, 10.
**13**, 41 Hab **1**, 5.
**13**, 43 *Prosélito*: nome técnico para designar os pagáns convertidos ao xudaísmo, circuncidados e plenamente integrados.
**13**, 47 Is **49**, 6.
**13**, 52 O resultado da predicación en Antioquía será típico do que lle ocorrerá a Paulo noutras cidades. Os relatos seguirán un esquema algo estereotipado: 1) predicación na sinagoga (con/sen acompañamento de sinais); 2) aceptación gozosa por parte dalgúns xudeus ou simpatizantes e rexeitamento por parte doutros; 3) persecución, promovida case sempre polos xudeus; 4) marcha, moitas veces fuxida, a outra cidade, onde se volverá repetir o esquema (cf **14**, 1-6. 8-20; **16**, 16-40; **17**, 1-8. 10-15; **18**, 4-18; **19**, 8-12. 23-41).

graza realizando por medio deles sinais e prodixios. [4]Entón dividiuse a xente da cidade en bandos: uns estaban polos xudeus e outros polos apóstolos. [5]Pero, visto que se organizou unha manifestación de pagáns e xudeus, cos seus xefes á fronte, para os maltrataren e apedraren, [6]eles, que se decataron, marcharon e refuxiáronse nas cidades de Licaonia, Listra, Derbe e arredores; [7]e alí anunciaban a Boa Nova.

### Evanxelización de Listra e Derbe. Máis problemas cos xudeus

[8]Xacía en Listra, tolleito dos pés, un home que era coxo de nacemento e que nunca puidera andar. [9]Estaba escoitando a Paulo, que falaba. Paulo, mirando para el e vendo que tiña fe para se curar, [10]díxolle en voz alta:

–Érguete, e tente dereito sobre os teus pés!

El deu un brinco e botou a andar. [11]A xente, ao ver o que fixera Paulo, berraba en idioma licaonio:

–Os deuses baixaron a nós en forma humana!

[12]E chamaban Zeus a Bernabé e a Paulo Hermes, porque era o que lles falaba. [13]Entón o sacerdote do templo de Zeus, que estaba á entrada da cidade, levando ás portas touros e grilandas, de acordo coa xente, pretendía ofrecerlles un sacrificio. [14]Os apóstolos Paulo e Bernabé, en canto se decataron, racharon os seus vestidos e correron cara á xente, [15]berrando:

–Que facedes? Nós non somos máis ca homes coma vós, e o que vos predicamos é que deixedes eses falsos ídolos e vos convertades ao Deus vivo *que fixo o ceo, a terra, o mar e todo o que hai neles*. [16]Nas xeracións pasadas permitiu a todas as nacións seguiren os seus propios camiños; [17]pero nin por iso deixou de dar testemuño de si coa súa regalía, dándovos desde o ceo chuvias e estacións frutíferas, enchendo de mantenza e de alegría os vosos corazóns.

[18]E con todas estas palabras, traballiño lles custou impedir que lles ofrecesen un sacrificio.

[19]Pero chegaron de Antioquía e de Iconio uns xudeus que convenceron á xente. Apedraron a Paulo e arrastrárono fóra da cidade, coidando que estaba morto. [20]Mais, cando o rodearon os discípulos, ergueuse e entrou na cidade. Para o outro día marchou con Bernabé cara a Derbe.

[21]Logo de anunciaren a Boa Nova naquela cidade e de faceren bastantes discípulos, volveron para Listra, Iconio e Antioquía, [22]enfortecendo o espírito dos discípulos e animándoos a perseveraren na fe, "porque dicíanlles temos de pasar por moitos traballos, para entrarmos no Reino de Deus". [23]E despois de designarlles presbíteros en cada Igrexa, oraban, xaxuaban e encomendábanos ao Señor, en quen creran.

### Retorno a Antioquía de Siria

[24]Atravesando a Pisidia, chegaron a Panfilia [25]e, logo de anunciaren a palabra en Perxe, baixaron cara a Atalía. [26]De alí embarcaron para Antioquía, desde onde foran confiados á graza de Deus para a misión que viñan de cumprir. [27]Chegando, reuniron a Igrexa e contaron todo canto Deus fixera con eles e como lles abrira aos pagáns a porta da fe. [28]Botaron alí moito tempo cos discípulos.

**14**, 4 É raro que Lucas chame apóstolos a Bernabé e Paulo, pois é un título que normalmente reserva para os Doce (a outra excepción en **14**, 14), o que fai pensar que se cadra usa material narrativo anterior a el.
**14**, 15 *Deus vivo*: fórmula tomada do A. T. (2 Re **19**, 4. 16; Sal **42**, 3 e Os **1**, 10; moi usada tamén no N. T. (Mt **16**, 16; **26**, 63; 2 Cor **3**, 3; 1 Tim **3**, 15; Heb **3**, 12; **9**, 14; **10**, 31).
**14**, 17 O estilo da predicación aos pagáns é ben diferente do que se nos indicaba máis arriba (Antioquía de Pisidia) como dirixida aos xudeus: o testemuño do único Deus vivo é presentado a aqueles na "natureza", tema por outra parte do A. T.: cf Sal **145**, 15-16; **147**, 8; Xer **5**, 24. Aos xudeus anúnciaselles a Deus presente na "historia" do pobo.
**14**, 23 *Presbíteros* (lit. "anciáns") era un termo técnico mesmo entre os pagáns, para designar aos que ostentaban un cargo, independentemente da súa idade. A institución dos presbíteros nas novas comunidades parece seguir o exemplo da Igrexa de Xerusalén (**11**, 30; **21**, 18). En **20**, 28 concrétase máis o seu papel de xefes relixiosos da comunidade. Polo contexto (cf tamén **6**, 6 e **13**, 3) parece evidente que a designación de presbíteros tiña lugar nunha cerimonia litúrxica con oración, xaxún e imposición de mans, que neste caso tería o carácter de consagración (cf 1 Tim **4**, 14; **5**, 22; 2 Tim **1**, 6s).
**14**, 27 Metáfora usada tamén por Paulo (1 Cor **16**, 9; 2 Cor **2**, 12; Col **4**, 3).

# O CONCILIO DE XERUSALÉN

### A fe en Xesús e a Lei de Moisés

**15** [1]Algúns que baixaron desde Xudea ensinaban aos irmáns: se non vos circuncidades conforme á tradición de Moisés, non vos podedes salvar. [2]Como se orixinou un desacordo e unha disputa non pequena de Paulo e Bernabé contra eles, acordaron que Paulo, Bernabé e algúns outros subisen a Xerusalén a tratar a cuestión cos apóstolos e os responsables. [3]Así que a Igrexa deulles o preciso para a viaxe e eles atravesaron Fenicia e Samaria, relatando como se convertían os pagáns e alegrando así a todos os irmáns.

### O concilio de Xerusalén: a cuestión da Lei

[4]Ao chegaren a Xerusalén, recibiunos a Igrexa, os apóstolos e os responsables e eles contaron todo o que Deus levaba feito con eles. [5]Pero erguéronse algúns da seita dos fariseos, que creran, e dicían:

–Cómpre circuncidalos e mandarlles cumprir a Lei de Moisés.

[6]Entón os apóstolos e os responsables xuntáronse para examinaren a cuestión. [7]E, despois de moito discutiren, ergueuse Pedro e díxolles:

–Irmáns, ben sabedes que desde os primeiros días me escolleu Deus de entre vós para que os pagáns oísen pola miña boca a palabra da Boa Nova e cresen. [8]E Deus, que coñece os corazóns, testemuñou en favor deles, dándolles o Espírito Santo coma a nós. [9]Non fixo ningunha discriminación entre eles e nós, pois purificou o seu corazón pola fe. [10]Por que, logo, tentades a Deus, querendo cangar no pescozo dos discípulos un xugo que nin nosos pais nin nós fomos quen de aturar? [11]Non: nós cremos que nos salvamos pola graza do Señor Xesús e que eles se salvan igualiño ca nós.

[12]Toda a asemblea ficou en silencio e escoitaban como Bernabé e Paulo contaban todos os sinais e prodixios realizados por Deus entre os pagáns por medio deles. [13]Cando calaron, falou Santiago, dicindo:

–Irmáns, escoitádeme: [14]Simeón contou como desde o principio Deus procurou entre os pagáns un pobo para si, [15]e con isto cadran as palabras dos Profetas, conforme está escrito:

[16]*Logo disto hei volver*
*e reconstruirei a tenda caída de David,*
*reedificarei as súas ruínas*
*e poñereina en pé,*
[17]*para que o resto dos homes*
*busquen ao Señor,*
*así como todas as nacións*
*que xa invocan o meu nome:*
*dío o Señor,* [18]que deu a coñecer
estas cousas desde tempos antigos.

[19]Por iso coido que non se debe importunar aos que de entre os pagáns se converten a Deus; [20]chega con escribirlles que se absteñan das contaminacións dos ídolos, das unións deshonestas, das carnes afogadas e do sangue; [21]pois Moisés ten desde tempos

**15**, 1-29 A cuestión presentada en Antioquía sobre a circuncisión dos cristiáns procedentes do paganismo, supoñía moito máis que a disputa sobre un rito, pois coa circuncisión ía unida a observancia do xudaísmo (**15**, 5). Do que se trataba logo era de submisión ou da emancipación da fe cristiá respecto da relixión xudía, e isto tiña un claro fondo doutrinal: era a fe en Cristo a que salvaba (**15**, 11), ou era a práctica da Lei de Moisés (**15**, 5)? Dito doutra maneira: a salvación é o resultado do mérito das obras humanas, resultado humano (salvación pola Lei), ou é o gran don gratuíto (graza) de Deus, que como Pai en Cristo e polo Espírito nos fai participar da súa mesma vida como auténticos fillos herdeiros (salvación "pola graza do Señor Xesús": **15**, 11)? Ou, aínda: a fe en Cristo queda reducida ao xugo dunha lei moral imposible de cumprir (**15**, 10), ou é unha boa nova (**15**, 8) capaz de purificar o corazón do home (**15**, 9), liberándoo para o amor creador? (Gál **5**, 6. 13) Estes grandes temas doutrinais implicados na praxe da circuncisión e da fe en Cristo, serán tratados maxistralmente por Paulo nas súas cartas (de xeito sistemático en Rm e Gál). O Concilio de Xerusalén sancionou coa súa autoridade a práctica, xa iniciada, do bautismo sen circuncisión, e con iso salvou a fonda orixinalidade cristiá que nesa cuestión ía implicada.

**15**, 2 *Responsables*: lit. "presbíteros" (cf **14**, 23).
**15**, 11 Cf este tema en Rm **3**, 24; **5**, 15; Gál **5**, 6; **6**, 15; Ef **1**, 6, etc.
**15**, 14 *Simeón* nome hebreo de Simón-Pedro.
**15**, 16ss Cita a Am **9**, 11-12, segundo os LXX.
**15**, 20 Para facilitar a convivencia entre os cristiáns procedentes do xudaísmo e do paganismo, Santiago manifesta o desexo, aceptado pola asemblea (v. 22), de que os novos cristiáns garden aqueles antigos preceptos da Lei, que, se non se cumprían (sendo compatibles coa fe cristiá) producirían escándalo nos xudeus-cristiáns.
*Contaminacións dos ídolos*: comer carne ofrecida aos ídolos (v. 29), prohibida en Lev **17**, 8-9, incluso aos estranxeiros que moraban en Israel. *Unións deshonestas*: algúns traducen "fornicación": polo contexto de referencia a Lev **17**-18, hai que entendelo non como prohibición obvia do desenfreo sexual, senón de unións carnais con parentes próximos (cf Lev **18**, 6-18).
*Sangue*: prohibido aos xudeus como alimento (cf Lev **17**, 10-12; Dt **12**, 16; **15**, 23) porque o sangue, considerado a sede da vida (Lev **17**, 14), era pertenza de Deus, señor da vida.
*Carnes afogadas*: é dicir, sen desangrar (cf **17**, 15). Sobre a liberdade cristiá, restrinxida por estes preceptos, cf 1 Cor **8**, 10; 2 Cor **6**, 14.

antigos predicadores en cada cidade e todos os sábados o lemos nas sinagogas.

**Resolución do Concilio**

22Entón os apóstolos e os responsables, de acordo con toda a Igrexa, decidiron elixir algúns de entre eles e mandalos a Antioquía, xunto con Paulo e Bernabé: Xudas, chamado Barsabás, e Silas, homes que destacaban entre os irmáns. 23E por medio deles mandaron esta carta:

"Os irmáns apóstolos e responsables saúdan aos irmáns de orixe pagá, que están en Antioquía, Siria e Cilicia. 24Somos sabedores de que algúns, saídos de aquí e a quen non demos mandato ningún, andan por aí desacougándovos coas súas palabras; 25decidimos escoller uns delegados e mandárvolos, xunto cos nosos benqueridos Bernabé e Saulo, 26que teñen dedicado a súa vida á causa de noso Señor Xesús Cristo. 27Mandámosvos, logo, a Xudas e Silas, que vos dirán de palabra as mesmas cousas. 28Porque decidimos, o Espírito Santo e mais nós, non impoñervos máis cargas ca as precisas: 29absterse de carnes ofrecidas aos ídolos, do sangue, de animais afogados e da unión deshonesta. Faredes ben en gardarvos destas cousas. Saúde".

30Déronlles o encargo e baixaron a Antioquía, onde reuniron á xente e entregaron a carta; 31ao que a leron, alegráronse con aquel consolo. 32Xudas e Silas, que eran profetas, con moitas palabras, animaban e fortalecían a fe dos irmáns. 33Ao cabo dun tempo, os irmáns déronlles a paz de despedida, pois volvían onda quen os mandaron. 35Paulo e Bernabé quedaron en Antioquía, ensinando e predicando con moitos outros a palabra do Señor.

## EXPANSIÓN DA IGREXA POLO MUNDO GREGO

### SEGUNDA VIAXE DE PAULO

**Separación de Paulo e Bernabé. Segunda viaxe misioneira**

36De alí a uns días, díxolle Paulo a Bernabé:

—Volvamos visitar os irmáns en todas as cidades nas que anunciamos a palabra do Señor, para vermos como lles vai.

37Bernabé quería levar tamén a Xoán, o chamado Marcos, 38pero Paulo coidaba que non o debían levar, porque se separara deles na Panfilia e non participara no traballo. 39Alporizáronse a tal punto, que se apartaron un do outro: Bernabé colleu a Marcos con el, e embarcou para Chipre; 40Paulo, pola súa banda, escolleu a Silas e, encomendado polos irmáns á graza do Señor, marchou 41atravesando Siria e Cilicia e animando ás comunidades.

**Timoteo únese á misión de Paulo**

**16** 1Chegou tamén a Derbe e Listra. Había valí un discípulo, chamado Timoteo, fillo dunha xudía crente e de pai grego, 2do que falaban ben os irmáns de Listra e de Iconio. 3Paulo quixo que fose con el e circuncidouno por mor dos xudeus daquela bisbarra, pois todos sabían que o pai era grego.

4Polas cidades que pasaban transmitíanlles as decisións tomadas polos apóstolos e responsables en Xerusalén, para que as cumprisen. 5Deste xeito as Igrexas quedaban confirmadas na fe e medraban en número cada día. 6Impedidos polo Espírito Santo de predicar a mensaxe en Asia, atravesaron Frixia e a rexión de Galacia; 7chegados de fronte a Misia, tentaron de entrar en Bitinia; pero o Espírito de Xesús non llelo permitiu: 8así

**15**, 23 Moitos dos comentaristas modernos opinan que inicialmente o concilio de Xerusalén e o decreto apostólico foron dous feitos diferentes, este posterior a aquel unificados aquí por Lucas. Entre outras razóns apórtanse: 1) Parece que é en Feit **21**, 25 onde Paulo chega a saber do decreto. 2) De feito Paulo mantén silencio respecto ao decreto cando se enfronta ao problema dos alimentos (1 Rm **14**; 1 Cor **8**, 10). 3) Non menciona este decreto tampouco cando en Gál **2**, 1-10 relata a súa participación no "concilio" de Xerusalén. 4) Con estas normas xa dadas, non se entendería o incidente de Antioquía, narrado en Gál **2**, 11-14.

**15**, 34 Algúns ms. engaden este v.: "Non obstante, a Silas pareceulle mellor quedar e Xudas marchou só".

**16**, 3 Segundo o dereito xudeu, Timoteo, como fillo dunha hebrea, era de nacionalidade xudía, polo que parece seguidor do xudaísmo desde neno (2 Tim **3**, 15). O feito da circuncisión de Timoteo non está en contradición co tratado no concilio de Xerusalén, posto que el era xudeu, e Paulo era partidario de que estes non rompesen cos costumes xudeus (cf 1 Cor **7**, 18), sendo el mesmo xudeu piadoso (Feit **21**, 26).

**16**, 6 Cabe interpretar este impedimento do Espírito como impedimento das circunstancias (cf 1 Tes **2**, 18).

que, atravesando Misia, baixaron a Tróade.
9Durante a noite, Paulo tivo unha visión: estaba alí de pé un macedonio, suplicándolle:
–Pasa a Macedonia e axúdanos!
10Logo desta visión procuramos partir decontado para Macedonia, sabedores de que Deus nos chamaba a lles anunciar a Boa Nova.

**Conversión de Lidia**

11Embarcamos en Tróade, dereitos a Samotracia; para o outro día, a Neápolis, 12e de alí a Filipos, que era das principais cidades da rexión de Macedonia. Alí aínda botamos uns días. 13O día de sábado saímos fóra da porta cara á beira dun río, onde supoñiamos que había un lugar de oración; sentamos e comezamos a falar coas mulleres que se xuntaban alá. 14Unha delas, que se chamaba Lidia, tratante en púrpura, da cidade de Tiatira, que seguía o xudaísmo, púxose a escoitar, e o Señor abriulle o corazón, para que fixese caso do que dicía Paulo. 15Despois de se bautizar cos seus, rogábanos así:
–Se me tedes por unha fiel do Señor, vide parar na miña casa.
E obrigounos.

**Prisión de Paulo e Silas**

16Un día pasounos que, indo nós cara ao sitio da oración, atopamos unha escrava que tiña espírito de adiviña e dáballes moitos cartos aos seus amos coas súas adiviñacións.
17Seguíanos a Paulo e a nós, berrando:
–Estes homes son servos do Deus Altísimo, que vos anuncian o camiño da salvación.
18Levaba así moitos días. Entón Paulo, xa farto, volveuse e díxolle ao espírito:
–Ordénoche, no nome de Xesús Cristo, que saias desa muller!
E no mesmo instante saíu. 19Vendo os amos que se lles ía a esperanza do negocio, botaron man de Paulo e Silas e arrastráronos á praza pública á presenza dos xuíces. 20Presentáronos ás autoridades, dicindo:
–Estes homes andan perturbando a nosa cidade: son xudeus 21e predican uns costumes que como romanos non podemos admitir nin practicar.

22A xente arrepúxose en contra deles; e os pretores, despois de facer que os espisen, mandáronos azoutar con vergallos. 23Cando xa lles deran moitas vergalladas, metéronos na prisión, ordenándolle ao carcereiro que os gardase con moito tino. 24El, ao recibir tal orde, meteunos na cela de castigo e prendeulles os pés co cepo.

**Conversión do carcereiro. Liberación e partida**

25Pola media noite, Paulo e Silas oraban, cantando loanzas a Deus. Os outros presos escoitaban. 26De súpeto veu un terremoto tan grande que abalaron os alicerces da prisión; de golpe abríronse as portas todas e desprendéronse as cadeas de todos eles. 27Cando acordou o carcereiro e viu abertas as portas da prisión quitou a espada para se matar, coidando que os presos xa fuxiran; 28pero Paulo berroulle:
–Non te firas, que estamos todos aquí!
29El pediu unha luz, entrou dentro e, tremendo, botouse aos pés de Paulo e de Silas, 30levounos para fóra e díxolles:
–Señores, que teño que facer para me salvar?
31Respondéronlle:
–Cre no Señor Xesús e salvaraste ti e mais os da túa casa.
32E anunciáronlles a palabra do Señor, a el e mais a todos os da súa casa. 33E naquela mesma hora da noite levounos consigo, lavoulles as feridas e seguidamente bautizouse el e todos os seus. 34Despois fíxoos subir á súa casa, preparoulles a mesa, e celebraron unha festa por crer en Deus con todos os da súa casa.
35Ao facerse día, os pretores mandaron os alguacís para lle dicir ao carcereiro:
–Ceiba a eses homes!
36Entón o carcereiro transmitiu a Paulo a mensaxe:
–Os pretores mandan dicir que vos poña en liberdade; saíde, logo, e marchade en paz.
37Pero Paulo replicoulles:
–Ou sexa, que primeiro nos azoutan á vista de todo o mundo, despois métennos no cárcere sen xuízo, a nós, que somos cidadáns

**16**, 10 É a primeira pasaxe das que se chaman as "seccións nós", debido a que nelas a narración dos Feitos aparece escrita en primeira persoa. Estas seccións **16**, 10-17; **20**, 5; **21**, 18; **27**, 1; **28**, 16 sinalan que os acontecementos nelas narrados viviunos persoalmente o autor dos Feitos, que, unido a Paulo en Tróade, o acompañou a Filipos, onde ficou; algúns anos máis tarde foi con el na súa derradeira viaxe a Xerusalén, acompañouno en Cesarea, cando estivo preso, e, máis tarde, na viaxe a Roma e na estadía nesa cidade.
**16**, 12 *Uns días* foron en realidade "bastantes" (v. 18), e deulle tempo a Paulo a xuntar unha igrexa, especialmente querida do apóstolo (Flp **4**, 1), a única de quen admitiría axuda económica (Flp **4**, 15-16).

romanos, e agora quérennos botar ás agachadas? Pois non. Que nos veñan ceibar eles en persoa.

38Os alguacís fóronlles dar o recado aos pretores, que colleron medo ao sentiren dicir que eran cidadáns romanos. 39Fóronlles pedir desculpas e, acompañándoos para fóra, pedíronlles que marchasen da cidade. 40Ao saíren do cárcere, foron á casa de Lidia; viron aos irmáns, animáronos e marcharon.

### En Tesalónica. Problemas cos xudeus

**17** 1Atravesando por Anfípolis e Apolonia, chegaron a Tesalónica, onde había unha sinagoga dos xudeus. 2Como de costume, Paulo foi para onda eles e durante tres sábados discutiron. Apoiándose nas Escrituras, 3explicáballes que o Mesías tiña que sufrir e resucitar de entre os mortos, e que "ese Mesías é Xesús, a quen eu vos anuncio". 4Algúns deles convencéronse e uníronse a Paulo e Silas, así coma moitos gregos seguidores do xudaísmo e bastantes mulleres de categoría.

5Porén, os xudeus, cheos de envexa, xuntando algúns pillabáns dos peoriños, armaron un rebumbio na cidade, e presentáronse en casa de Iasón en busca deles, para levalos diante do pobo. 6Como non os encontraron, arrastraron a Iasón e algúns dos irmáns diante das autoridades locais, berrando:

–Eses, que andan revolucionando o mundo enteiro, tamén viñeron aquí, 7e Iasón recibiunos na súa casa. Todos van contra os decretos do emperador, dicindo que é rei un tal Xesús.

8Con isto desconcertaron ao pobo e ás autoridades locais que tal oían. 9Pero, despois de recibiren unha fianza de Iasón e dos demais, soltáronos.

### En Berea. Boa acollida

10E axiña, de noite, os irmáns fixeron marchar a Paulo e Silas cara a Berea. Ao chegaren, dirixíronse á sinagoga dos xudeus. 11Estes eran máis nobres ca os de Tesalónica e recibiron a palabra con todo interese, investigando todos os días as Escrituras, para veren se aquilo era así. 12Moitos deles creron e tamén bastantes señoras gregas das máis distinguidas, así coma os homes.

13Cando os xudeus de Tesalónica souberon que tamén en Berea anunciara Paulo a palabra de Deus, foron alí enlizar e axitar á xente. 14Entón os irmáns, sen tardar, mandaron a Paulo cara ao mar. Silas e Timoteo ficaron alí.

### Paulo en Atenas

15Os que conducían a Paulo, levárono a Atenas e volveron coa encomenda de que Silas e Timoteo fosen con todo o apuro onda el. 16Mentres Paulo agardaba por eles en Atenas, consumíase por dentro, vendo que a cidade estaba chea de ídolos. 17Comezou, logo, a discutir na sinagoga cos xudeus e os seguidores do xudaísmo, e na praza todos os días cos que aparecían por alí.

18Algúns filósofos epicúreos e estoicos conversaban con el; uns dicían:

–Que quererá dicir este lingoreteiro?

E outros:

–Parece ser un predicador de deuses estranxeiros. (É que anunciaba a Xesús e a resurrección).

19Entón levárono con eles ao Areópago, dicíndolle:

–Podemos saber que é esa nova doutrina que ensinas? 20Porque ti dis cousas que nos sorprenden e queremos saber de que se trata. 21(Os atenienses e estranxeiros que vivían alí pasaban o tempo contando ou escoitando a última novidade).

### Discurso de Paulo no Areópago

22Entón Paulo, de pé no medio do Areópago, dixo:

–Atenienses, vexo en todo que sodes moi relixiosos, 23pois andando por aí e mirando para os vosos monumentos de culto, incluso

**17**, 2 Sobre este costume de Paulo, cf nota a **13**, 5. Aínda que aquí se nos fala de tres sábados, dos datos de Flp **4**, 16 e de 1 Tes **2**, 7-11 pódese colixir que Paulo botou en Tesalónica, importante porto comercial e capital da provincia de Macedonia, máis de tres semanas.

**17**, 4 *Seguidores do xudaísmo*: lit. di "terremotos de Deus", expresión técnica para designar os simpatizantes no culto das sinagogas, pero sen plena integración na comunidade xudía e sen circuncidar, cousas estas polas que se diferenciaban dos prosélitos (cf **13**, 43).

A acusación é política: pretenden presentar a predicación cristiá como proselitismo político a prol doutro rei (Xesús), diferente do emperador.

**17**, 22 *Moi relixiosos*, lit. di "terremotos dos demos" (daimon), verba que na linguaxe grega se aplicaba a calquera poder sobrehumano. Nótese a diferenza coa expresión de **17**, 4.

**17**, 23 Tense dito que este discurso pode ser ben diferente dos outros de Paulo recollidos nos Feitos. Pero hai que considerar normal que o misioneiro se adapte ao ambiente e á cultura na que se encontra, recollendo desta as faíscas da verdade que el anuncia, cousa que fará Paulo: acolle ideas e vocabulario propio da filosofía grega e sobre todo da estoica. Os estudosos sinalan neste sentido particularmente os vv. 24b. 25. 27b. 28, purificándoo das súas ambigüidades (por exemplo, do panteísmo estoico: vv. 24a. 29. 31), sen renunciar ao núcleo histórico da fe: Xesús e a resurrección: v. 31.

atopei un altar con esta inscrición: "Ao deus descoñecido". Ben, pois o que venerades sen o coñecer, é o que eu vos anuncio: [24]o Deus que fixo o mundo e todo o que nel hai; o Señor do ceo e mais da terra, non habita en santuarios feitos pola man dos homes, [25]nin o serven mans humanas, coma se precisase de cousa ningunha El, que a todos dá vida e alento. [26]Dun só home quitou a raza humana, para que habitasen toda a terra, e estableceu os lindeiros dos seus tempos e mais dos seus territorios, [27]para que o buscasen a El e o encontrasen, aínda que fose atoutiñando. En realidade non está lonxe de cada un de nós, [28]posto que nel vivimos, nos movemos e existimos, como algúns dos vosos poetas dixeron: "porque somos incluso da súa caste". [29]Así que, sendo da liñaxe de Deus, non debemos pensar que a divindade sexa semellante ao ouro, á prata ou á pedra, traballados pola maña e a imaxinación do home. [30]Ora ben, pasando por alto os tempos de ignorancia, agora manda Deus aos homes que todos e en todas partes se arrepintan. [31]Porque estableceu un día no que ha xulgar o mundo con xustiza por medio do home que El determinou, dándonos a todos a garantía disto, resucitándoo de entre os mortos.

[32]Ao sentiren falar de resurrección de mortos, uns burlábanse e outros dicíanlle:

–Ben, home, ben! Diso xa te escoitaremos noutra ocasión.

[33]Con estas, Paulo marchou do medio deles. [34]Mesmo así, xuntáronselle algúns homes e creron, entre eles Dionisio Areopaxita, unha muller chamada Dámaris e outros.

**Paulo en Corinto. Problemas cos xudeus**

**18** [1]Despois disto Paulo deixou Atenas e foise para Corinto. [2]Alí atopou un xudeu chamado Áquila, natural do Ponto, que acababa de chegar de Italia con Priscila, a súa muller, por cousa dun edicto de Claudio, que mandaba que todos os xudeus marchasen de Roma. Xuntouse con eles, [3]e como eran do mesmo oficio, quedou a traballar na casa deles (eran tecedores de lonas). [4]Cada sábado discutía na sinagoga, tratando de convencer a xudeus e a gregos. [5]Cando Silas e Timoteo chegaron de Macedonia, Paulo dedicouse de cheo á palabra, atestando perante os xudeus que Xesús é o Mesías. [6]Pero como eles se lle repoñían xurando, díxolles, sacudindo a roupa:

–Que o voso sangue veña sobre a vosa cabeza! Eu non teño culpa. De agora en diante voume aos pagáns.

[7]E marchando de alí, foi á casa dun tal Ticio Xusto, seguidor do xudaísmo, que vivía a carón da sinagoga. [8]Crispo, o xefe da sinagoga, creu no Señor con toda a súa familia, e moitos corintios que escoitaban a Paulo abrazaron a fe e bautizáronse.

[9]Unha noite, en visión, díxolle o Señor a Paulo:

–Non recees, sigue falando e non cales; [10]que eu estou contigo e ninguén arremeterá contra ti, que teño un pobo numeroso nesta cidade.

[11]Entón botou alí ano e medio, ensinándolles a palabra de Deus.

[12]Sendo Galión procónsul de Acaia, os xudeus todos á xunta foron contra Paulo e levárono diante do tribunal, [13]dicindo:

**17**, 28 Paulo cita palabras do poeta grego Arato de Cilicia (s. III a. C.), da mesma rexión do apóstolo. Hai outros textos semellantes na literatura e na filosofía grega, que nos tempos de Paulo estaba moi familiarizada coa idea do parentesco entre o home e Deus. Algúns interpretábana nun sentido panteísta: identificación Deus-Mundo-Home, pero para Paulo é só ocasión para insistir na calidade espiritual de Deus (v. 29), na súa proximidade (v. 27, cf Sal **139**) e na posibilidade de atopalo (v. 27, cf Sal **145**, 18).

**17**, 31 A doutrina da resurrección é ben distinta da relativa á inmortalidade, moi estendida entre os filósofos gregos. A inmortalidade da esperanza cristiá é a inmortalidade de Xesús resucitado, don de Deus. Paulo, en 1 Cor **15**, intentará responder ás cuestións que presenta o "como" da resurrección.

**18**, 1 *Corinto*: capital da provincia de Acaia, era unha cidade importante, residencia do procónsul romano, cun gran porto comercial. A comunidade de Corinto, difícil de estender (vv. 9-10), había de ser a que máis traballos causa a Paulo (1 Cor **2**, 3): así se bota de ver na carta que desde Corinto escribirá á Igrexa de Tesalónica (1 Tes **3**, 7).

**18**, 2 *Priscila*, a mesma persoa que nas cartas de Paulo aparece como Prisca. *Áquila*, aínda que se di que era xudeu, hai que entender polo contexto que se trataba, igual que a súa esposa, dun xudeu-cristián, convertido xa en Roma. Probablemente habería máis cristiáns en Corinto, procedentes coma el de Roma, logo do decreto de Claudio, promulgado no ano 49.

**18**, 3 Paulo recordará varias veces que durante o seu ministerio gañara o sustento traballando coas súas propias mans (cf **20**, 33-34; 1 Cor **4**, 12; **9**, 1-12; 1 Tes **2**, 9; 2 Tes **3**, 8), sen admitir doazóns das comunidades, non sendo da de Filipos (Flp **4**, 15-16).

**18**, 6 O da roupa, era un xesto simbólico que indicaba repulsa (outra semellante en **13**, 51) e rompemento con eles, feito acentuado coa fórmula "o voso sangue sobre a vosa cabeza" (cf Lev **20**, 9; 2 Sam **1**, 16; **3**, 19; 1 Re **2**, 33; Mt **27**, 24-25), propia do A. T., para cargar a alguén a responsabilidade, aquí da súa incredulidade, motivo polo que Paulo se dedicará aos pagáns.

**18**, 12 *Galión*: irmán do filósofo estoico Séneca e, coma el, procedente de Córdoba, na Hispania romana. Por unha inscrición descuberta en Delfos no 1905, procedente do templo de Apolo, na que se menciona a Galión, pódese datar o seu proconsulado en Acaia entre os anos 51-53.

–Este home anda a convencer na xente
para que dean culto a Deus dun xeito con-
trario á Lei.
14Aínda Paulo non abrira a boca e Galión
díxolles aos xudeus:
–Se se tratase dalgunha inxustiza ou delito
grave, sería de razón atendervos con pacien-
cia; 15pero como é cuestión de palabras, de
nomes e da vosa Lei, amañádevos vós. Eu
non quero ser xuíz desas cousas.
16E mandounos saír do tribunal. 17Entón,
botaron man de Sóstenes, o xefe da sinagoga,
e déronlle unha malleira diante do tribunal,
pero Galión non quixo saber nada.

**Regreso a Antioquía por Éfeso**

18Paulo aínda botou alí ben días. Despois
despediuse dos irmáns e embarcou para Siria
en compaña de Priscila e Áquila. En Cén-
creas rapou a cabeza, porque se ofrecera.
19Chegaron a Éfeso e alí separáronse. Entrou
na sinagoga e discutía cos xudeus; 20pedíron-
lle que ficase máis tempo, pero el non quixo,
21e despediuse, dicindo:
–Hei volver onda vós, se Deus quere.
E marchou de Éfeso. 22Logo de desem-
barcar en Cesarea, subiu a saudar á Igrexa e
baixou a Antioquía.

## TERCEIRA VIAXE DE PAULO

23Pasado algún tempo, marchou e percor-
reu sucesivamente o país gálata e a Frixia,
fortalecendo a todos os discípulos.

**Predicación de Apolo en Éfeso e Corinto**

24Chegou a Éfeso un xudeu chamado Apo-
lo, natural de Alexandría, que falaba moi ben
e dominaba as Escrituras. 25Instruírase no
camiño do Señor e con espírito afouto pre-
dicaba e ensinaba con exactitude no tocante
a Xesús, aínda que só coñecía o bautismo de
Xoán.
26Púxose a falar barilmente na sinagoga.
Priscila e Áquila, que o sentiran, levárono
consigo e expuxéronlle con máis precisión
o camiño de Deus. 27Como el quería ir para
Acaia, os irmáns animárono e escribíronlles
aos discípulos, para que o acollesen. De che-
gado, foilles de gran axuda aos que pola gra-
za abrazaran a fe, 28pois con forza refutaba
en público aos xudeus, demostrando polas
Escrituras que Xesús era o Mesías.

**Paulo volve a Éfeso, onde bota dous anos evanxelizando**

**19** 1En tanto Apolo estaba en Corinto,
Paulo, logo de atravesar o 2interior do
país, chegou a Éfeso. Encontrou alí a algúns
discípulos, e preguntoulles:
–Recibistes o Espírito Santo cando abra-
zastes a fe?
Eles respondéronlle:
–Nin sequera sentimos dicir que haxa un
Espírito Santo.
3Díxolles:
–E logo, que bautismo recibistes?
Eles responderon:
–O bautismo de Xoán.
4Entón díxolles Paulo:
–Xoán bautizaba cun bautismo de conver-
sión, dicíndolle ao pobo que cresen no que
viña despois del, é dicir, en Xesús.
5Despois de sentiren isto, bautizáronse no
nome do Señor Xesús; 6e logo que Paulo lles
impuxo as mans, veu sobre eles o Espírito
Santo e comezaron a falar en linguas estrañas
e a profetizar. 7En total eran uns doce homes.
8Foi Paulo para a sinagoga, e durante
tres meses falou abertamente, discutindo e
convencendo no tocante ao Reino de Deus.
9Pero, como algúns estaban endurecidos e
non crían e falaban mal do Camiño diante da
xente, arredouse deles. Tomando á parte os
discípulos, falaba cada día na escola dun tal
Tirano. 10Isto durou dous anos, de xeito que
sentiron a palabra do Señor todos os habitan-
tes da Asia, xudeus e gregos. 11Deus facía mi-
lagres extraordinarios polas mans de Paulo;
12a tal punto que poñéndolles aos enfermos
os panos da man ou pezas del que tocaran o
corpo, desaparecían deles as enfermidades, e
marchaban os malos espíritos.

**18**, 22 Non especifica cal Igrexa, pero podemos deducir que é a de Xerusalén, se temos en conta que a altura da cidade (760 m sobre o mar) converte en moi gráfico o verbo "subir", xa usado outras veces para indicar a mesma viaxe (cf **11**, 2; **15**, 2).
**19**, 2 Pasaxe difícil: polo contexto parecen ser cristiáns (v. 2: "discípulos") xa convertidos (v. 2: "abrazar a fe"), e, non obstante, non estaban bautizados no nome de Xesús nin coñecían a existencia do Espírito Santo. Puidera tratarse dun grupo de discípulos do Bautista (que aínda existían entrado o s. III). Con todo, a intención de Lucas é clara: trátase dunha concisa catequese sobre o Espírito, na que subliña que o coñecemento do Espírito Santo é un dato esencial da experiencia cristiá adulta.
**19**, 8 É dicir, Paulo falou sobre Xesús: **8**, 12; **28**, 23. 31.

13Tamén algúns xudeus, exorcistas ambulantes, probaron a invocar o nome do Señor Xesús sobre os que tiñan os espíritos malos, dicindo: "Esconxúrovos polo Xesús que Paulo predica!". 14(Os que isto facían eran sete fillos dun certo Escevas, sumo sacerdote xudeu). 15Pero o mal espírito respondeulles:

–Coñezo a Xesús e sei quen é Paulo; pero vós quen sodes?

16E o que estaba posuído polo espírito malo botouse a eles dun brinco e fixo deles un pandeiro, de tal xeito, que tiveron que fuxir da casa aquela en coiros e cheos de feridas. 17Isto soubérono todos os que vivían en Éfeso, xudeus e gregos. Todos tomaron moito respecto e recoñecían a grandeza do nome do Señor Xesús. 18Moitos dos que creran foron confesar e declarar as súas meiguerías, 19e moitos dos que foran meigos levaban os libros e queimábanos diante de todos. Calcularon que valerían unhas cincuenta mil moedas de prata. 20Deste xeito medraba e fortalecíase a palabra de Deus.

21Despois destas cousas, Paulo decidiu ir a Xerusalén, pasando por Macedonia e Acaia, declarando:

–Despois de estar alí, teño que visitar tamén Roma.

22Entón mandou a Macedonia dous dos seus axudantes, Timoteo e Erasto, mentres el pasaba algún tempo aínda en Asia.

### O Evanxeo choca cos intereses da industria pagá

23Daquela armouse un gran balbordo por causa do Camiño. 24O caso foi así: un prateiro chamado Demetrio, que fabricaba reprodución en prata do santuario da deusa Artemisa e que proporcionaban aos artesáns non pouca ganancia, 25reuniunos con outros da mesma arte e díxolles:

–Compañeiros, ben sabedes que a nosa prosperidade depende desta industria; 26pero estades vendo e sentindo que non só en Éfeso senón tamén en case toda a Asia, ese Paulo convenceu a bastante xente, dicíndolles que non son deuses os que se fan coas mans. 27Isto pon en perigo non só o creto da nosa industria, senón incluso do mesmo templo da gran deusa Artemisa, acabando por desprestixiar a aquela a quen veneran Asia e o mundo enteiro.

28Ao sentiren isto, alporizáronse e deron en berrar:

–Viva a Artemisa dos efesios!

29Armouse unha algueirada por toda a cidade: a xente botouse en masa cara ao teatro, arrastrando consigo aos macedonios Gaio e mais Aristarco, compañeiros de viaxe de Paulo. 30Paulo quería presentarse naquela manifestación, pero os discípulos non o deixaron, 31e incluso algunhas das autoridades, que eran amigos del, mandáronlle aviso de que non aparecese polo teatro. 32Cadaquén berraba polo seu lado, pois a asemblea estaba revolta e a maioría nin sabía por que se xuntaran. 33Entón, saíu de entre a xente Alexandre, animado polos xudeus, que, acenando coa man, pediu a palabra para darlle explicacións á xente. 34Pero cando se decataron de que era xudeu, estiveron berrando todos á xunta case dúas horas:

–Viva a Artemisa dos efesios!

35Entón o maxistrado calmou á xente e dixo:

–Efesios, quen non sabe que a cidade de Éfeso é a garda do templo da grande Artemisa e da súa imaxe baixada do ceo? 36Sendo isto indiscutible, convén que teñades calma e non fagades as cousas ás toas, 37porque trouxestes uns homes que non son sacrílegos nin blasfemos da nosa deusa. 38Polo tanto, se Demetrio e os artesáns que van con el teñen queixa de alguén, xa hai audiencias e procónsules: que preiteen. 39E, se queredes algunha outra cousa, xa se resolverá na asemblea regulamentaria. 40Mesmo nos arriscamos a que nos acusen de insurrección polo que pasou hoxe, pois non hai motivo ningún que xustifique semellante rebumbio.

En dicindo isto, disolveu a asemblea.

### Regreso de Paulo a Siria, pasando por Macedonia

**20** 1Cando pasou o boureo, Paulo mandou chamar polos discípulos, animounos, despediuse deles e marchou cara a Macedonia. 2Despois de percorrer aquela bisbarra, animándoos moito, chegou a Grecia, 3onde botou tres meses. Cando estaba para em-

**19**, 24 *Artemisa*: a gran nai da Asia romana, deusa da fecundidade. O seu templo en Éfeso era considerado unha das sete marabillas do mundo antigo. Non se acharon reprodución en prata, pero si en cerámica, do santuario de Artemisa.
**19**, 28 *Viva*: lit. "É grande...!".
**19**, 33 A Alexandre, posiblemente lle interesara poñer en claro que Paulo non era dos seus, é dicir, que non pertencía á comunidade xudía.
**20**, 1 É a proxectada viaxe a Macedonia e Corinto que había de culminar en Xerusalén (cf Rm **15**, 16; 1 Cor **16**, 5; 2 Cor **9**, 4).
**20**, 3 Estaría para facelo seguramente en Corinto (**19**, 21; 1 Cor **16**, 6), onde escribiu a Carta aos Romanos.

barcar cara a Siria, como os xudeus lle argallaran unha emboscada, resolveu volver por Macedonia. [4]Levaba de compañeiros a Sópatro, fillo de Pirro, natural de Berea, aos tesalonicenses Aristarco e Segundo, Gaio de Derbe, Timoteo e os asiáticos Tíquico e Trófimo. [5]Estes adiantáronse e esperaron polos outros en Tróade. [6]Pola nosa banda, embarcamos en Filipos despois das festas da Pascua, e logo de cinco días fomos dar con eles en Tróade, quedando alí sete días.

### En Tróade: o rapaz accidentado

[7]O domingo estabamos reunidos para partir o pan. Paulo, que ía marchar para o outro día, comezou a falar con eles e prolongou a prédica ata a media noite. [8]Había moitas lámpadas no cuarto alto, onde estabamos reunidos. [9]A un rapaz, chamado Eutiquio, que estaba sentado na fiestra, foille pegando o sono, mentres Paulo alongaba a súa leria; e así que adormeceu de vez, caeu en baixo desde o terceiro piso e recollérono morto.

[10]Paulo baixou, botouse sobre el e, apertándoo, dixo:

–Non vos asustedes, que aínda alenta.

[11]Subiu, partiu o pan e comeuno e, despois de conversar aínda ben tempo ata o amencer, marchou. [12]Entón levaron o rapaz vivo e tiveron un gran consolo.

[13]Pola nosa banda, adiantámonos a embarcar rumbo a Asos, onde tiñamos que recoller a Paulo, pois el dispuxera facer a viaxe por terra. [14]Cando nos alcanzou en Asos, recollémolo a bordo, e chegamos a Mitilene; [15]de alí fixémonos á vela, e ao outro día chegamos fronte a Quíos. Para o outro día navegamos a Samos, e para o outro chegamos a Mileto.

### Despedida dos presbíteros de Éfeso en Mileto

[16]Paulo tiña decidido pasar por Éfeso de largo, para non perder tempo en Asia. Apuraba por ver de estar en Xerusalén o día de Pentecoste. [17]Desde Mileto, mandou chamar polos responsables da Igrexa de Éfeso. [18]Cando chegaron cabo del, díxolles:

–Ben sabedes como me portei convosco desde o primeiro día que cheguei a Asia, [19]servindo ao Señor con toda humildade no medio das bágoas e probas que me viñeron das maquinacións dos xudeus; [20]non tiven reparo en instruírvos e predicarvos, publicamente e polas casas, todo o que vos fose de proveito, [21]insistindo solemnemente a xudeus e gregos que se convertesen a Deus pola fe no noso Señor Xesús. [22]E agora vouvos a Xerusalén, obrigado polo Espírito, sen saber o que me espera; [23]só sei que o Espírito Santo me avisa de cidade en cidade que me agardan cadeas e tribulacións. [24]Pero non estimo en nada a miña vida, con tal que poida rematar a miña carreira e o servizo que me encomendou o Señor Xesús: dar testemuño da Boa Nova da graza de Deus.

[25]Sei que ninguén de vós, entre os que pasei predicando o Reino, me volverá ver. [26]Por iso, asegúrovos hoxe que non me sinto responsable da perdición de ninguén, [27]porque non me gardei de anunciarvos todo o plan de Deus. [28]Coidade de vós e de todo o rabaño do que o Espírito Santo vos constituíu inspectores, para pastoreardes a Igrexa que Deus comprou co sangue do seu propio Fillo. [29]Xa sei que despois da miña marcha se han meter entre vós lobos carniceiros, que non terán mágoa do rabaño. [30]E incluso de entre vós mesmos sairán homes que ensinarán cousas perversas, para arrastraren os discípulos tras eles. [31]Por iso, vixiade, lembrándovos que, por tres anos, día e noite, non parei de vos aconsellar con bágoas a cada un de vós. [32]Eu déixovos nas mans de Deus e da súa palabra de graza: El ten poder para construír e darvos a herdanza entre todos os santificados. [33]Non cobicei de ninguén prata, ouro nin roupa: [34]ben sabedes todos que para as miñas necesidades e as dos meus compañeiros gañaron abondo estas miñas mans. [35]En todo vos mostrei que é, traballando así, como cómpre

**20**, 5 Comeza a segunda "sección nós" (cf **16**, 10), ata **21**, 18. Probablemente Lucas uniríase de novo a Paulo en Tróade.

**20**, 11 Interesante información sobre as celebracións da Eucaristía na Igrexa primitiva: o que hoxe chamariamos "liturxia da palabra" alóngase antes e despois da "partición do pan".

**20**, 17 O título de *responsables* (presbíteros), tomado das comunidades xudías, aparece sempre en plural (**11**, 30; **14**, 23; **15**, 2. 4. 6. 22. 23; **16**, 4; **21**, 18), o que indica a súa estrutura de equipo ou "colexial": eran os pastores das igrexas locais que deixaban os misioneiros itinerantes. Noutros lugares chámaselles "inspectores" (bispos) (**20**, 28; Flp **1**, 1; 1 Tim **3**, 2; Tit **1**, 7), pero todo leva a pensar que os dous títulos indican a mesma realidade e a mesma función: coidar da comunidade cristiá.

**20**, 26 Lit. "estou limpo do sangue de todos" (cf nota a **18**, 6).

**20**, 31 Quizais son números redondos: en **19**, 10 dicíanse que botara ensinando dous anos na escola de Tirano. Tres meses máis consígnaos Lucas para a predicación na sinagoga (**19**, 8). En 2 Cor **1**, 8-9, Paulo fala de dificultades imprevistas, que seguramente retrasaron o plan manifestado en 1 Cor **16**, 5-8, e que lle fixeron botar máis tempo en Éfeso.

**20**, 35 *É mais felicidade dar que recibir:* estas palabras de Xesús non se conservan nos evanxeos.

valerlles aos necesitados, recordando as palabras do Señor Xesús, que dixo: "É máis felicidade dar que recibir".

[36]En dicindo isto, axeonllouse con todos eles, e rezou. [37]Todos choraron moito e, dábanlle apertas e bicos a Paulo, [38]aflixidos, sobre todo porque lles dixera que non o ían ver máis. E foron con el ata o barco.

### A viaxe a Xerusalén

**21** [1]Despois de nos separarmos deles, embarcamos e fomos dereitos cara a Cos; ao día seguinte, a Rodas; e de alí, a Pátara. [2]Encontramos un barco que ía facer a travesía a Fenicia, embarcamos nel e seguimos a viaxe. [3]Chegando a dexergar Chipre, que deixamos á esquerda, navegamos para Siria e chegamos a Tiro, pois alí tiña que descargar o barco.

[4]Atopamos os discípulos e paramos alí sete días. Eles, movidos polo Espírito, dicíanlle a Paulo que non subise a Xerusalén. [5]Pasados aqueles días, partimos. Todos, xunto coas mulleres e mais os fillos, nos acompañaron ata as aforas da cidade e, postos de xeonllos na praia, rezamos. [6]Despois de nos despedirmos uns dos outros, nosoutros embarcamos e eles volveron para as súas casas.

[7]Nós, rematando a travesía, fomos de Tiro a Ptolemaida, saudamos os irmáns e quedamos un día con eles. [8]Marchamos para o outro día. Chegamos a Cesarea e, entrando na casa do evanxelista Filipe, un dos Sete, paramos onda el. [9]Filipe tiña catro fillas virxes, que falaban inspiradas.

[10]Botamos alí bastantes días e baixou de Xudea un profeta, chamado Agabo, [11]que nos veu ver e, tomando o cinto de Paulo, atouse de pés e mans, dicindo:

–Isto di o Espírito Santo: "Así atarán os xudeus en Xerusalén ao dono deste cinto e entregarano nas mans dos pagáns".

[12]Ao sentirmos isto, nós e os do lugar insistiámoslle a Paulo que non subise a Xerusalén. [13]Daquela respondeu Paulo:

–A que vén tanto pranto? Seica me queredes desmoralizar? Eu estou disposto non só a deixarme atar, senón tamén a morrer en Xerusalén polo nome do Señor Xesús.

[14]E, como non se deixaba convencer, desistimos, dicindo:

–Que se faga a vontade do Señor!

## PAULO PRESO EN XERUSALÉN

[15]Pasados aqueles días e feitos os preparativos, subimos a Xerusalén. [16]Viñeron connosco algúns discípulos de Cesarea, e leváronnos a pousar á casa dun certo Nasón, chipriota, discípulo desde o comezo. [17]Chegados a Xerusalén, os irmáns recibíronnos con alegría.

### Visita a Santiago

[18]Para o outro día, foi Paulo connosco cabo de Santiago, e estaban presentes todos os responsables. [19]Logo de os saudar, contoulles unha por unha as cousas que Deus fixera entre os pagáns polo seu ministerio. [20]Ao sentilo, glorificaron a Deus, pero dixéronlle:

–Xa ves, irmán, os milleiros de xudeus que abrazaron a fe, e todos son celosos defensores da Lei; [21]pero de ti sentiron dicir que ensinas a todos os xudeus que están entre os pagáns a se apartaren de Moisés, dicindo que non circunciden os seus fillos nin sigan as tradicións. [22]Que imos facer agora? Todos saberán que chegaches. [23]Fai logo o que che dicimos: hai aquí catro homes que están ofrecidos; [24]lévaos canda ti, purifícate con eles e paga por eles para que rapen a cabeza e que

**21**, 8 *Filipe:* Un dos Sete "diáconos" (**6**, 5), evanxelizador de Samaria (**8**, 5) e doutras cidades da costa (**8**, 40).
**21**, 10 Sobre os profetas, cf notas a **11**, 27. Era tradicional entre os profetas xudeus acompañar a palabra cun xesto significativo (Is **20**, 2; Xer **13**, 1; **19**, 1ss; **27**, 2; Ez **4**, 1-3).
**21**, 14 Non só este v. recorda a oración de Xesús en Xetsemaní (Lc **22**, 42): hai todo un paralelismo entre a subida de Xesús a Xerusalén (Lc **9**, 31. 51; **13**, 22; **17**, 11; **19**, 11) e esta viaxe de Paulo, "obrigado polo Espírito" (**20**, 22); ao final da mesma, repetidamente se lle profetizan cadeas e persecucións (**20**, 23; **21**, 4-11), previstas xa por Paulo (Rm **15**, 31).
**21**, 18 Sobre *Santiago*, cf nota a **12**, 17. Remata aquí a segunda "sección nós", que continuará en **27**, 1.
**21**, 21 Cf nota a **16**, 3. Paulo non obrigaba aos xudeus a deixaren a práctica da Lei (que gardaban celosamente os xudeus-cristiáns de Palestina: v. 20), senón que proclamaba a liberdade dos cristiáns que viñan do paganismo, fronte á Lei: é o tema do concilio de Xerusalén (cf nota a **15**, 1). Os seus principios, non obstante, entrañaban ese paso (cf Rm **7**, 6; Gál **2**, 19; Col **2**, 20).
**21**, 23s *Están ofrecidos*: Trátase dun voto de nazireos (cf Núm **6**, 1-21): durante el non tomaban bebidas fermentadas nin cortaban o pelo. Remataban coa rapa do pelo e con diversos sacrificios (Núm **6**, 14-15), que debían resultar bastante caros. A Paulo invítano a facerse cargo dos gastos, como sinal do seu respecto á Lei. Non tratándose dunha cuestión de principio, Paulo faise "xudeu entre os xudeus" (1 Cor **9**, 20), e acepta para disipar a desconfianza.

todos saiban que non hai nada do que se di,
senón que ti mesmo es un practicante da Lei.
25No que toca aos pagáns que abrazaron a fe,
mandámoslles por escrito a nosa decisión:
que se garden das carnes sacrificadas aos
ídolos, do sangue, das carnes sen desangrar
e das unións deshonestas.

26Entón Paulo, para o outro día, levou con-
sigo aqueles catro homes, purificouse xunto
con eles e entrou no templo para avisar can-
do acababan os días da purificación e tocaba
presentar a ofrenda por cada un deles.

**Motín contra Paulo e detención**

27Cando estaban para se cumprir os sete
días, os xudeus da Asia, que o viran no tem-
plo, encirraron a todo o persoal e botáronlle
as mans, 28berrando:

–Israelitas, axudádenos! Este é o home
que por todos os sitios anda ensinando a to-
dos en contra do pobo, da Lei e deste lugar; e
para máis meteu uns gregos no templo, pro-
fanando este lugar santo.

29(Vírano antes pola cidade co efesio Tró-
fimo e coidaban que Paulo o metera no tem-
plo). 30O boureo correuse por toda a cidade, e
apareceu xente por todas as partes. Agarraron
a Paulo, arrastrárono fóra do templo e pecha-
ron as portas. 31Estaban para o mataren, can-
do lle chegou a noticia ao xefe da gornición
militar de que toda Xerusalén estaba en re-
volta. 32Decontado colleu soldados e oficiais
e baixou correndo cara a eles. Estes, ao velos,
deixaron de mallar en Paulo.

33Cando chegou, o tribuno colleuno, man-
douno prender con dúas cadeas e preguntou-
lles quen era e o que fixera. 34Pero de entre a
xente cada un berraba súa cousa. Non poden-
do saber nada seguro, debido ao balbordo,
mandouno levar para o cuartel. 35Ao chega-
ren ás escadas, era tal a violencia da xente,
que o tiveron que levar en peso os soldados,
36pois a xente seguía a berrar:

–Que morra!

37Cando o ían meter no cuartel, díxolle
Paulo ao tribuno:

–Podo falarche unhas palabras?

El preguntoulle:

–Sabes grego? 38Entón ti non es o exipcio
que hai pouco sublevou e levou ao deserto
catro mil guerrilleiros?

39Respondeulle Paulo:

–Eu son un xudeu de Tarso, cidadán dunha
coñecida cidade de Cilicia. Rógoche que me
permitas falarlle á xente.

40Deulle permiso, e Paulo, de pé nas es-
cadas, acenou coa man pedíndolle silencio á
xente. Fíxose un gran silencio e díxolles isto
en lingua hebrea.

**Discurso de Paulo aos xudeus de Xerusalén**

**22** 1–Irmáns e pais, escoitade agora a miña
defensa diante de vós.

2(Ao sentilo falarlles en hebreo, aínda gar-
daron máis silencio).

Paulo continuou:

3–Eu son xudeu, nado en Tarso da Cilicia,
pero criado nesta cidade, instruído aos pés de
Gamaliel en todo o rigor da Lei dos nosos
pais, acérrimo defensor de Deus, coma vós
agora. 4Eu perseguín a morte este Camiño,
prendendo e metendo na cadea a homes e
mulleres, 5tal como o poden atestar o Sumo
Sacerdote e todo o Senado. De parte deles
recibín cartas para os irmáns de Damasco
e púxenme en camiño para traer presos a
Xerusalén aos de alí, para castigalos. 6Pero
sucedeu que cando ía de camiño, cerca de
Damasco e polo mediodía, unha gran luz do
ceo lostregou arredor de min. 7Caín ao chan
e sentín unha voz que me dicía: "Saulo, Sau-
lo, por que me persegues?". 8Eu respondín:
"Quen es, Señor?". E díxome: "Eu son Xesús
de Nazaré, a quen ti persegues". 9Os que ían
comigo tamén viron a luz, pero non sentiron
a voz do que me falaba. 10Entón dixen: "Que
debo facer, Señor?". E o Señor díxome: "Ér-
guete, vai a Damasco e alí diráseche todo o
que se che pide que fagas". 11E, como non
vía cousa por culpa da fogaxe daquela luz,
cheguei a Damasco pola man dos meus com-
pañeiros.

12Entón un tal Ananías, home devoto con-
forme a Lei, apreciado por todos os xudeus de
alí, 13veume ver e, ao chegar onda min, díxo-
me: "Saulo, irmán, recobra a vista!"; e naquel

**21**, 25 Paulo parece chegar a saber aquí do decreto apostólico de **15**, 23-29 (cf nota a **15**, 23).

**21**, 38 O historiador xudeu Flavio Xosefo dános novas deste exipcio, do motín que organizou e da sanguinaria represión do gobernador Fiz e de que el escapou dela. De aí a confusión do comandante romano.

**21**, 40 Probablemente en arameo, idioma semítico moi emparentado co hebreo que se falaba nese tempo en Palestina: o mesmo que falou Xesús.

**22**, 1 É o mesmo encabezamento do discurso de Estevo. O título de pais non acaba de cadrar, a non ser que houbese entre o público membros de Sanedrín ou que Lucas converta literalmente o discurso nunha defensa diante de todo o pobo de Israel. O tema do discurso ten un paralelo máis resumido en Gál **1**, 13-24.

mesmo instante puiden velo. [14]E díxome: "O Deus dos nosos pais destinoute para que coñeceses a súa vontade, para veres o Xusto e sentires a voz da súa boca; [15]porque lle has ser testemuña diante de todos os homes do que viches e sentiches. [16]E agora a que agardar? Érguete, recibe o bautismo e lávate dos teus pecados, invocando o seu nome".

[17]Xa de volta a Xerusalén, aconteceume que un día, rezando no templo, tiven unha éxtase, [18]e vino a El, que me dicía: "Sae axiña de Xerusalén, porque non recibirán o teu testemuño acerca de min". [19]Eu dixen: "Señor, eles ben saben que eu andaba polas sinagogas a prender e azoutar nos que crían en Ti, [20]e que cando foi derramado o sangue de Estevo, a túa testemuña, eu tamén estaba alí, dándoo por ben feito e gardando os mantos dos que o mataban". [21]Pero el contestoume: "Vai, que te hei de mandar lonxe, aos pagáns".

### Paulo no cuartel romano

[22]Fórono escoitando ata chegar a estas palabras; pero entón deron en berrar:

–Quita da terra a ese, que non merece vivir!

[23]E como berraban, abaneaban os mantos e botaban po ao aire, [24]o tribuno mandou que metesen a Paulo no cuartel e ordenou que o interrogasen a vergalladas para dar sabido por que berraban así contra el. [25]Cando xa estaba ben atado polas correas, díxolle Paulo ao centurión que estaba alí:

–E vós, podedes azoutar a un cidadán romano que non foi condenado?

[26]Ao sentir isto, o centurión foille avisar ao tribuno:

–Que vas facer? Ese home, disque é romano.

[27]Foi entón o tribuno e díxolle:

–Dime unha cousa: ti es romano?

El respondeulle:

–Son.

[28]Engadiu o tribuno:

–A min esa cidadanía custoume moitos cartos.

Paulo replicoulle:

–Pois eu nacín con ela.

[29]En seguida marcharon os que o ían interrogar, e o tribuno, ao saber que era romano, colleu medo porque o tivera encadeado.

### Paulo comparece diante das autoridades xudías

[30]Para o outro día, querendo saber con certeza de que o acusaban os xudeus, desatouno, mandou reunir os xefes dos sacerdotes e todo o Sanedrín e, levando a Paulo, presentóullelo.

**23** [1]Paulo entón, ollando para o Sanedrín, dixo:

–Irmáns, ata hoxe en todo me comportei con boa conciencia diante de Deus.

[2]Pero o xefe dos sacerdotes Ananías, mandou aos que o custodiaban que lle batesen na boca. [3]Entón Paulo díxolle:

–Hache pegar Deus a ti, parede caleada! Sentas para xulgarme conforme á Lei e mandas que me peguen violando a Lei?

[4]Os que o custodiaban dixéronlle:

–Insultas ao Sumo Sacerdote de Deus?

[5]Paulo respondeu:

–Irmáns, non sabía que fose Sumo Sacerdote. Si, a Escritura di: *Non dirás mal do xefe do teu pobo*.

[6]Sabendo Paulo que unha parte deles eran saduceos e outra fariseos, berrou en medio do Sanedrín:

–Irmáns, eu son fariseo, fillo de fariseos, e quero dicir que é por causa da nosa esperanza na resurrección dos mortos, polo que se me xulga.

[7]Cando dixo isto, armouse unha disputa entre os fariseos e os saduceos e dividiuse a asemblea, [8]porque os saduceos non admiten nin resurrección nin anxos nin espíritos, mentres que os fariseos cren nestas tres cousas. [9]Fíxose un gran rebumbio, erguéronse algúns escribas do partido dos fariseos e dicían afoutos:

–Non atopamos nada malo neste home: e se é certo que lle falou un espírito ou un anxo?

[10]A liorta ía a maiores, e o tribuno, temendo que esnaquizasen a Paulo, ordenou á tropa que baixase a quitalo do medio deles para o levar ao cuartel.

[11]A noite seguinte, aparecéuselle o Señor e díxolle:

–Ánimo, que así como deches testemuño de min en Xerusalén, cómpre tamén que o deas en Roma.

**22**, 15 Paulo enraíza a súa misión no mesmo Señor resucitado, igual ca os Doce (**1**, 8).
**22**, 25 A lei romana prohibía usar tortura no interrogatorio dos cidadáns romanos (estaba en troques autorizada cos estranxeiros e escravos), e tamén o castigo sen previo xuízo. Recórdese o episodio de **16**, 35-38.
**23**, 2 *Ananías:* Sumo Sacerdote que exerceu entre os anos 47-59. O historiador Xosefo fala del con moita dureza. Morreu asasinado polo ano 66, nos comezos da primeira revolta xudía contra Roma.
**23**, 5 Cita de Éx **22**, 27.

**Conspiración dos xudeus para mataren a Paulo**

12Ao raiar o día, os xudeus fixeron unha
conspiración e conxuráronse a non comer
nin beber ata mataren a Paulo. 13Eran máis de
corenta os conxurados, 14e fóronse presentar
aos xefes dos sacerdotes e aos senadores para
dicirlles:
–Xuramos, baixo pena de maldición, non
probar nada ata que matemos a Paulo. 15Vós,
logo de acordo co Sanedrín, pedídelle ao tri-
buno que volo traia diante de vós, como para
examinardes máis a fondo o seu caso; pola
nosa banda, estamos dispostos a matalo antes
de que chegue.
16Pero o fillo da irmá de Paulo, soubo da
trapela, foi e entrou no cuartel e contoullo a
Paulo. 17Este chamou ao centurión e díxolle:
–Acompaña a este rapaz cabo do tribuno,
pois ten algo que lle comunicar.
18O centurión tomouno e levouno ao tribu-
no e díxolle:
–O preso Paulo chamoume para me pedir
que che trouxese este mozo, que ten que fa-
larche unha palabra.
19O tribuno colleuno pola man, levouno á
parte e preguntoulle:
–Que tes para me dicir?
20E díxolle:
–Os xudeus concordaron en pedirche que
mañá baixes a Paulo diante do Sanedrín, coa
escusa de examinaren o caso con máis in-
formación. 21Ti non te fíes: máis de corenta
homes deles prepáranlle unha celada e com-
prometéronse baixo xuramento a non come-
ren cousa nin beberen ata que o maten; e xa
están dispostos, agardando polo teu consen-
timento.
22O tribuno, entón, despediu ao rapaz, re-
comendándolle que non dixese que o avisara.

## PAULO PROCESADO EN CESAREA

**Proceso ante Fiz**

23Despois mandou chamar a dous dos centu-
rións e díxolles:
–Tede preparados para iren a Cesarea dous-
centos soldados, setenta homes de a cabalo
e douscentos auxiliares, a partir das nove da
noite; 24que haxa tamén cabalos para montar
a Paulo e levalo san e salvo ao gobernador
Fiz.
25E escribiu unha carta nestes termos:
26"Claudio Lisias, ao moi excelente gober-
nador Fiz, saúde! 27A este home collérano os
xudeus e íano matar, cando aparecín eu coa
tropa e libereino, ao saber que era romano.
28Querendo saber de que o acusaban, fíxe-
no baixar diante do Sanedrín. 29Resulta que
as acusacións eran por cuestión da Lei de-
les, sen ningún cargo que merecese a morte
ou a cadea. 30Avisado de que preparan unha
conxura para o mataren, mándocho sen agar-
dar máis, e notifico aos seus acusadores que
presenten no teu tribunal o que teñan contra
el".
31Os soldados, tal como se lles ordenara,
colleron a Paulo e levárono de noite a Antí-
patris. 32Para o outro día, deixando que os de
a cabalo fosen con el, volveron ao cuartel.
33Chegados os cabaleiros a Cesarea, entre-
gáronlle a carta ao gobernador e presentáron-
lle tamén a Paulo. 34Lida a carta, o goberna-
dor preguntou de que provincia era, e cando
soubo que de Cilicia, díxolle:
35–Escoitarei cando veñan os teus acusa-
dores.
E mandou que o gardasen no pazo de He-
rodes.

**24** 1Cinco días despois baixou o xefe dos
sacerdotes Ananías con algúns sena-
dores e un tal Tértulo, avogado, e presen-
taron queixa ao gobernador contra Paulo.
2Citado Paulo, Tértulo comezou a acusación
nestes termos:
–A gran paz que gozamos grazas a ti e ás
reformas que este país debe á túa providen-
cia, 3recoñecémola en todo e en todas partes,
excelentísimo Fiz, con suma gratitude. 4Pero,

**23**, 14 *Xuramos baixo pena de maldición:* lit. "con anatema anatematizámonos", é dicir, puxémonos baixo anatema; isto é: invocamos sobre nós a maldición divina, caso de non cumprirmos a promesa.
**23**, 24 *Fiz*, liberto de Claudio, foi procurador de Xudea entre os anos 52-59/60. Tanto Tácito como Flavio Xosefo concordan en salientar a súa cobiza e crueldade.
**23**, 31 *Antípatris*: vila da chaira de Xarón, a metade de camiño entre Xerusalén e Cesarea. Fundáraa Herodes o Grande e dedicáraa a Antípatro, seu pai.
**24**, 2 *Tértulo* gaba a Fiz, para gañar a súa benevolencia. En realidade, Fiz usou unha política represora dos levantamentos populares, de grande crueldade: crucifixión dos rebeldes e dos paisanos que os apoiaban. Cando el marchou, o seu sucesor Festo atopou un país moi alterado polo terrorismo dos sicarios (cf Flavio Xosefo, Antigüidades, XX, **8**, 5; **8**, 10).

para non te incomodar demasiado, pídoche que nos escoites brevemente coa túa benevolencia. [5]Nós descubrimos que este home é unha peste: fomenta enlizos entre todos os xudeus que hai polo mundo enteiro e é cabeza do partido dos nazarenos. [6]Incluso intentou profanar o templo: entón nós prendémolo. [8]Interrogándoo ti mesmo, poderás coñecer por el todas estas cousas de que o acusamos.

[9]Os xudeus apoiárono, asegurando que as cousas eran así.

### Paulo deféndese

[10]O gobernador acenoulle para que falase e entón Paulo respondeu:

–Como sei que hai moitos anos es xuíz desta nación, vou facer confiadamente a miña defensa. [11]Ti mesmo podes comprobar que non hai máis de doce días subín a Xerusalén para adorar, [12]e que nin no templo, nin nas sinagogas nin pola cidade, ninguén me viu discutindo con ninguén nin revolvendo na xente. [13]Eles non poden probar as cousas de que agora me acusan. [14]Non obstante confésoche o seguinte: é seguindo o Camiño, que eles chaman dunha seita, como adoro ao Deus dos nosos pais, crendo todo o que está escrito na Lei e nos Profetas, [15]tendo en Deus a esperanza que estes mesmos teñen: que haberá resurrección de xustos e inxustos. [16]Por iso, esfórzome sempre en ter unha conciencia sen lixo diante de Deus e diante dos homes. [17]Despois de moitos anos, vin traer esmolas aos da miña nación e ofrendas. [18]Uns xudeus de Asia acháronme no templo, xa purificado, sen xuntanza nin algueirada: [19]eles son os que tiñan que presentarse diante do teu tribunal e acusarme, se tiñan algo contra min. [20]E, se non, que digan estes que crime descubriron cando comparecín diante do Sanedrín, [21]como non sexa aquel berro que botei no medio deles: "É por causa da resurrección dos mortos, que se me xulga hoxe diante de vós".

### Sen xuízo definitivo, Paulo segue na cadea dous anos máis

[22]Entón Fiz, que coñecía bastante ben as cousas referentes ao Camiño, aprazoulles a causa, dicindo:

–Cando baixe o tribuno Lisias, decidirei o voso asunto.

[23]E ordenou ao centurión que o gardase, pero con consideración e sen o privar da asistencia dos seus.

[24]Algúns días despois chegou Fiz coa súa muller Drusila, que era xudía. Mandou chamar a Paulo e escoitouno acerca da fe en Cristo. [25]Pero, como Paulo falaba da xustiza, do dominio de si e do Xuízo futuro, Fiz arrepiado dixo:

–Polo de agora vaite, cando teña máis tempo mandareite chamar.

[26]Contaba que tamén Paulo lle dese cartos: por iso mandábao chamar adoito e conversaba con el. [27]Despois de dous anos, recibiu Fiz como sucesor a Porcio Festo. E querendo congraciarse cos xudeus, deixou preso a Paulo.

### Acusación diante de Porcio Festo. Paulo apela ao emperador

**25** [1]Aos tres días da súa chegada á provincia, subiu Festo de Cesarea a Xerusalén. [2]Os sumos sacerdotes e os principais dos xudeus presentáronse ante el acusando a Paulo e pedíanlle [3]de favor, con mala idea, que o fixese ir para Xerusalén, con mentes de prepararen eles unha trapela para o mataren no camiño. [4]Pero Festo respondeu que Paulo estaba preso en Cesarea e que el mesmo marcharía axiña. [5]E dixo:

–Que os principais de entre vós veñan comigo e, se hai algún delito nese home, que o acusen.

[6]Logo de botar entre eles non máis de oito ou dez días, baixou a Cesarea e para o outro día sentou no tribunal e mandou traer a Paulo. [7]Cando chegou, rodeárono os xudeus que

**24**, 5 Intenta presentar a Paulo como un dos rebeldes a Roma, tan perseguidos por Fiz.

**24**, 6 A profanación do templo castigábase con pena de morte. Nisto o dereito romano era respectuoso coa sensibilidade relixiosa dos xudeus, e, segundo Xosefo, permitía incluso que esa pena acadase tamén a cidadáns romanos.

**24**, 8 Algúns ms. engaden antes o v. 7: "Quixemos condenalo conforme á nosa Lei. Pero presentouse o tribuno Lisias e tiróunolo das mans, con violencia, ordenando que os seus acusadores comparecesen diante de ti". As redaccións non cadran. Parece tratarse dun resumo de **21**, 30-34; **23**, 30.

**24**, 22 A designación do cristianismo como *Camiño* é común nos Feitos (**9**, 2; **19**, 9. 23; **22**, 4; **24**, 14).

**24**, 24s A reacción é normal, coñecendo a cobiza e o estilo de vida de Fiz. *Drusila*, filla de Herodes Agripa I (cf nota a **12**, 1), era a súa terceira muller. Estivera casada co rei de Emesa (Siria), Azizo, e Fiz conseguira separala del con moitas intrigas.

**24**, 27 *Porcio Festo:* Procurador entre os anos 60-62. Flavio Xosefo considérao home íntegro.

baixaran de Xerusalén, presentando contra el moitas e graves acusacións, que non eran capaces de probar. [8]Paulo, pola súa banda, defendíase dicindo:

–Non faltei en nada nin contra a Lei dos xudeus, nin contra o templo nin contra o César.

[9]Entón Festo, querendo poñerse a ben cos xudeus, respondeulle a Paulo:

–Queres subir a Xerusalén e que te xulguen alí sobre todo isto na miña presenza?

[10]Pero Paulo respondeu:

–Estou diante do tribunal do César e é aquí onde se me debe xulgar. Non lles fixen mal ningún aos xudeus, como ti mesmo sabes ben. [11]Se son culpable e cometín algunha cousa que mereza a morte, non me nego a morrer; pero, se non hai fundamento en ningunha das cousas de que eles me acusan, ninguén ten o dereito de me entregar a eles. Apelo ao César!

[12]Entón Festo, logo de consultar aos seus conselleiros, respondeu:

–Xa que apelas ao César, irás ao César!

### O gobernador fálalle de Paulo ao rei Agripa

[13]Pasados algúns días, o rei Agripa e Berenice chegaron a Cesarea, saudar a Festo. [14]Como botaron alí días, Festo informou ao rei do caso de Paulo, dicíndolle:

–Hai aquí un home que Fiz deixou preso, [15]a quen acusaron os sumos sacerdotes e os senadores dos xudeus, estando eu en Xerusalén e pediron a súa condena. [16]Respondinlles que non é costume romano entregar un home sen enfrontalo cos seus acusadores e dándolle a posibilidade de se defender da acusación. [17]Viñeron comigo ata aquí e, sen demorarme nada, sentei para o outro día no tribunal e mandei traer o home. [18]Os acusadores compareceron, pero non presentaron ningunha acusación dos delitos que eu sospeitaba; [19]só tiñan en contra del unhas cuestións acerca da súa relixión e dun certo Xesús defunto, de quen Paulo afirma que vive. [20]Sen saber que decidir nestas cuestións, pregunteille se quería ir a Xerusalén para xulgalo alí; [21]pero Paulo apelou, pedindo que o seu caso fose reservado ao xuízo do emperador e mandei que o gardasen ata mandarllo ao César.

[22]Entón Agripa díxolle a Festo:

–Gustaríame a min tamén escoitar a ese home.

Respondeulle:

–Mañá oiralo.

### Paulo diante de Agripa

[23]Ao día seguinte, viñeron Agripa e Berenice con grande pompa, e entraron na sala da audiencia, rodeados dos tribunos e dos principais da cidade. A unha orde de Festo, levaron a Paulo. [24]Festo dixo:

–Rei Agripa e todos os que estades aquí presentes connosco: ese é o home contra quen todos os xudeus viñeron onda min, tanto en Xerusalén coma aquí, berrando que non debería vivir máis. [25]Eu recoñecín que non fixera nada que mereza a morte; pero, como el apelou ao emperador, decidín mandarllo. [26]Pero non sei que lle hei de escribir en concreto do seu caso ao emperador. Por iso mandeino traer á vosa presenza, sobre todo á túa, rei Agripa, para que, feito o interrogatorio, teña algunha cousa que escribir, [27]pois paréceme que non ten xeito mandar un preso sen indicar os cargos que hai contra el.

### Discurso de Paulo defendéndose diante do rei Agripa

**26** [1]Agripa díxolle a Paulo:

–Tes consentimento para falares na túa defensa.

Entón Paulo, estendendo a man, principiou a súa defensa.

[2]–Considérome feliz, rei Agripa, de poderme defender diante de ti de todo o que me acusan os xudeus, [3]maiormente por seres coñecedor de todos os costumes e controversias que hai entre os xudeus. Por iso pídoche que me escoites con paciencia.

[4]A miña vida a partir da mocidade, que pasei desde o comezo entre o meu propio pobo, en Xerusalén, sábena todos os xudeus. [5]Eles coñécenme desde hai moito tempo e, se quixesen, poderían atestar que vivín como fariseo, o partido máis rigoroso da nosa relixión.

**25**, 12 É dicir, a un tribunal imperial de máis categoría, en Roma. Paulo, para non ir a Xerusalén e que non o xulgase o Sanedrín, fará uso dos seus dereitos como cidadán romano.
**25**, 13 Marco Xulio Agripa II e Berenice, ambos os dous fillos de Herodes Agripa I (cf nota a **12**, 1). Agripa II foi o derradeiro rei dos xudeus, aínda que os seus dominios nunca chegaron a ser coma os de seu pai. Así, en Xudea só exercía a superintendencia do templo, co poder de nomear o Sumo Sacerdote. Os procuradores romanos eran os que tiñan o verdadeiro poder.
**25**, 21 *Emperador*: lit. "augusto", título dos emperadores.
**25**, 26 *Ao emperador:* Lit. "ao señor", empregado de forma absoluta: era un título imperial que adoptara Calígula (37-41 d. C.) e con el os seus sucesores. Tiña un matiz social, de título divino, que axiña había chocar co aplicado polos cristiáns a Xesús resucitado, "único Señor" (cf Rm **16**, 8. 11s; 1 Tim **6**, 16; Ap **17**, 14; **19**, 16).
**26**, 5 *Desde hai moito tempo:* lit. "desde o principio", é dicir, desde a mocidade.

6Curiosamente é pola esperanza na promesa feita por Deus aos nosos pais polo que
me atopo aquí en xuízo; 7promesa que as
doce tribos esperan acadar servindo decote a
Deus, noite e día. Por esa esperanza, maxestade, acúsanme os xudeus! 8Por que coidades
incrible que Deus resucite os mortos?
9En canto a min, crinme obrigado a combater con todos os medios contra o nome de
Xesús de Nazaré. 10Iso foi o que fixen en Xerusalén: co poder que me deran os sumos sacerdotes, eu mesmo metín no cárcere moitos
cristiáns e, cando os mataban, dábao por ben
feito. 11Moitas veces, polas sinagogas, con
torturas, obrigábaos a blasfemar e, cheo de
carraxe contra eles, perseguíaos mesmo nas
cidades de fóra.
12Foi así, que, indo a Damasco con poder e
permiso dos sumos sacerdotes, 13á mediodía,
maxestade, vin no camiño unha luz baixada
do ceo e máis brillante ca o sol, que resplandecía arredor de min e dos meus compañeiros de viaxe. 14Todos caemos ao chan e sentín unha voz que me dicía en lingua hebrea:
"Saulo, Saulo, por que me persegues? Non
gañas nada con dares couces contra o aguillón". 15Eu preguntei: "Quen es, Señor?". E
o Señor respondeu: "Eu son Xesús, a quen
ti persegues. 16Pero érguete e ponte dereito, pois aparecinme a ti para te poñer como
servidor e testemuña do que de min viches e
do que che amosarei, 17librándote do pobo e
dos pagáns aos que te mando, 18para que lles
abras os ollos, a fin de que volvan das tebras
á luz e do poder de Satanás a Deus e, pola fe
en min, reciban o perdón dos pecados e mais
a herdade entre os santos".
19E non desobedecín, rei Agripa, a visión
celestial. 20Ao contrario, primeiro aos de Damasco, despois aos de Xerusalén, e en toda
a rexión da Xudea e por fin aos pagáns, prediqueilles que se arrepintan e que se convertan a Deus e que vivan como corresponde á
conversión. 21Por este motivo prendéronme
os xudeus no templo e tentaron de me matar. 22Pero coa axuda de Deus mantéñome ata
hoxe dando testemuño a pequenos e grandes,
sen me saír do que predixeron Moisés e mais
os Profetas: 23que o Mesías tiña que padecer
e que, resucitado o primeiro de entre os mortos, anunciaríalles a luz ao noso pobo e aos
pagáns.
24Estando neste punto da súa defensa, exclamou Festo:
–Estás tolo, Paulo: tanto saber revirouche
o xuízo!
25Pero Paulo díxolle:
–Non estou tolo, excelentísimo Festo: as
miñas palabras son verdadeiras e asisadas.
26O rei sabe moito destas cousas e por iso
fálolle francamente, pois non creo que as
ignore, dado que non ocorreron nun recanto.
27Cres nos profetas, rei Agripa? Ben sei que
cres.
28Agripa respondeulle a Paulo:
–A pouco máis convéncesme para me facer cristián!
29E Paulo dixo:
–Deus queira que, en moito ou en pouco,
non só ti senón todos os que hoxe me escoitan se fixesen coma min, fóra estas cadeas,
claro.
30O rei, o gobernador, Berenice e os que
estaban sentados con eles, erguéronse. 31Ao
se retiraren, comentaban:
–Este home non cometeu cousa que sexa
merecente nin de morte nin de cadeas.
32E Agripa díxolle a Festo:
–Este home xa podía estar ceibo, se non
apelase ao César.

**26**, 8 O verbo en presente é unha clara alusión á resurrección de Xesús. A acción divina non é hipotética, senón presente, é dicir, actuante (**26**, 23).
**26**, 9-18 Novo e derradeiro nos Feitos relato da conversión de Paulo (cf **9**, 3-18; **22**, 6-21).
**26**, 10 *Cristiáns*: lit. "santos".
**26**, 14 Non deixa de estrañar que, dirixíndose Xesús a Paulo en hebreo (é dicir, arameo), cite un coñecido proverbio grego ("Non gañas nada con dares couces..."), descoñecido na literatura hebrea. Dos tres relatos da conversión de Paulo, é este o único que o recolle. Quizais Paulo ou Lucas resuman así diante de Agripa, e dun xeito algo dramático, o sentido máis fondo de cambio de rumbo que supuxo a aparición para Paulo: a persecución contra os cristiáns era resistencia inútil (cf **5**, 39), loita perdida de antemán contra o poder do amor.
**26**, 16 Alusión a Ez **2**, 1-2, onde se relata a vocación do profeta Ezequiel. Hai un claro paralelismo, reforzado máis adiante con novas alusións aos profetas, entre a presentación da vocación de Paulo, que aquí se fai, e a vocación profética.
**26**, 17 Alusión a Xer **1**, 7-8: outro texto de vocación profética.
**26**, 18 Eco de Is **42**, 7-16 e nova referencia a unha vocación profética.
**26**, 22 Falando a un xudeu, fai un esforzo por presentar a fe cristiá como o cumprimento de esperanza do A. T.

# LEVAN A PAULO PRESO A ROMA

## Camiño de Roma

**27** [1]Cando se decidiu que embarcásemos
para Italia, confiaron a Paulo e outros
presos a un centurión chamado Xulio, da
cohorte Augusta. [2]Embarcamos nunha nave
de Adramitio, que estaba a punto de levantar áncora para as costas de Asia e saímos
para o mar, levando connosco a Aristarco,
macedonio de Tesalónica. [3]Para o outro día
chegamos a Sidón; e Xulio, tratando a Paulo
con humanidade, permitiulle visitar os seus
amigos e recibir atencións por parte deles.
[4]Desde alí saímos para o mar e navegamos
ao abeiro de Chipre, porque os ventos eran
contrarios; [5]despois, atravesando os mares
de Cilicia e da Panfilia, chegamos a Mira
de Licia. [6]Alí, o centurión atopou unha nave
alexandrina, que se dirixía a Italia, e fixonos
subir a bordo. [7]Durante moitos días navegamos lentamente, e con traballos chegamos
fronte a Cnido; como o vento non nos era
favorable, navegamos bolinando ao amparo
de Creta por Salmona; [8]logo de costeala con
traballos, chegamos a un sitio chamado Bos-Portos, cerca da cidade de Lasea.

[9]Pasando bastante tempo e correndo perigo a navegación, pois xa pasara o tempo do
xaxún, Paulo [10]avisounos:

–Amigos, paréceme que imos ter navegación perigosa e con mal para a carga e tamén
para as nosas vidas.

[11]Pero o centurión fiábase máis do piloto e
do patrón do barco ca das palabras de Paulo;
[12]e, como o porto non era axeitado para invernar, a maioría foi do parecer de largar de
alí e ver de chegar a Fenice, porto de Creta
volto cara ao suroeste e o noroeste. [13]E levantándose un ventiño livián do sur, coidaron
poder realizar o seu proxecto. Levantaron a
áncora e comezaron a costear Creta sempre
cerca de terra.

## Tempestade e naufraxio

[14]Aos poucos, por iso, levantouse da illa
unha ventada chamada euraquilón [15]e arrastrou o barco; como non podiamos facerlle
fronte ao vento, deixámonos levar por el.
[16]Avanzando protexidos por unha pequena
illa chamada Cauda, conseguimos con moitos traballos apoderarnos do bote; [17]izado a
bordo, botaron man de recursos de emerxencia, cinguindo a nave con cables; por medo
de bater contra os baixos de Sirte, arriaron
velas e deixáronse ir á deriva. [18]Como o
temporal nos abalaba con furia, ao outro día
alixeiraron a carga; [19]e ao terceiro guindaron
no mar os aparellos coas súas propias mans.
[20]Por moitos días non vimos sol nin estrelas
e, como a tempestade non amainaba, iamos
perdendo a esperanza de nos salvarmos.
[21]Levabamos moito tempo sen comer, cando
Paulo, de pé no medio deles, díxolles:

–Amigos, se me fixésedes caso, non saïamos daquela de Creta e aforrabamos agora
este perigo e esta perda. [22]Pero agora pídovos
que teñades azos, que ningún de vós vai perecer; só se perderá o barco; [23]esta noite presentóuseme un anxo do Deus a quen pertenzo
e a quen sirvo, [24]dicindo: "Non temas, Paulo,
tes que te presentar diante do César e Deus
concedeuche a vida de todos os que navegan
contigo". [25]Polo tanto, ánimo!, que eu confío
en Deus que sucederá como se me dixo. [26]Temos que ir dar nalgunha illa.

[27]A décima cuarta noite de andarmos á
deriva polo Adriático, no medio da noite,
ventaron os mariñeiros que había terra cerca.
[28]Botaron a sonda e eran vinte brazas; pouco
despois, botárona de novo e xa eran quince.
[29]Por medo de ir bater contra algúns cons, botaron catro áncoras por popa esperando con
ansia pola chegada do día. [30]Os mariñeiros,
co pretexto de iren botar as áncoras de proa,

**27**, 1 Derradeira "sección nós" (ata **28**, 16). Todo o c. e parte do seguinte está dedicado á viaxe do apóstolo a Roma, en compaña de Lucas e Aristarco. Ao remate dos Feitos, esta viaxe presentarase como a realización da misión encomendada ao comezo: "seredes as miñas testemuñas... ata os confíns da terra" (**1**, 8).

**27**, 9 O xaxún é outro nome da festa xudía da Expiación (cf Lev **16**, 29ss). É o xaxún máis importante dos xudeus, que tiña lugar entre últimos de setembro e primeiros de outubro. A referencia de Lucas é para sinalar que faltaba pouco para a época invernal (11 novembro-10 marzo), na que se suspendían as viaxes marítimas.

**27**, 14 *Euraquilón*: palabra de composición latina, que indica o vento do nordés.

**27**, 17 *Os baixos*: bancos de area movediza, que penetraban desde o norte de África na costa de Cirene. A expresión *arriaron velas* é unha interpretación: lit. di "tendo baixado o instrumento".

**27**, 24 Na visión de Lucas a viaxe non era a dun preso, senón a dun misioneiro, que debía testemuñar diante do César.

**27**, 27 Non é exactamente o actual Adriático. Entre os xeógrafos antigos (Ptolomeo), o Mediterráneo entre Creta e Sicilia recibía este nome.

**27**, 28 Unha *braza* equivale a 1,85 m.

arriaban o bote ao mar, querendo fuxir da nave. 31Entón díxolles Paulo ao centurión e aos soldados:

–Se eses homes non fican no barco, vós non vos poderedes salvar.

32Daquela os soldados cortaron as amarras do bote e deixárono caer.

33Paulo, conforme ía abrindo o día, ía animando a todos para que tomasen alimento, dicíndolles:

–Con hoxe son catorce días que estades á expectativa, en xaxún, sen pasar bocado. 34Recoméndovos que vos alimentedes: iso axudará á vosa salvación, pois ninguén de vós perderá un pelo da cabeza.

35Dito isto, tomou pan, deu grazas a Deus diante de todos e partíndoo, comezou a comer. 36Animáronse todos e tamén eles tomaban alimento. 37Entre todos eramos no barco duascentas setenta e seis almas. 38Logo de se fartaren, alixeiraron o barco, botando o trigo ao mar.

39Cando se fixo día, non recoñeceron a terra. Só vían unha enseada cunha praia e decidiron varar alí a nave, se é que podían. 40Soltaron as áncoras, que abandonaron no mar, e afrouxaron as amarras dos peltres que facían de temón; logo, izaron a vela de popa e puxeron proa á praia. 41Pero, indo bater nun baixo con mar por ambos os lados, encallaron o barco; a proa, ben chantada, non se movía, pero a popa foise desconxuntando coa forza das ondas.

42Os soldados tomaron a decisión de matar os presos, para que non fuxise ningún a nadar. 43Pero o centurión, querendo salvar a Paulo, impedíullelo e mandou que os que sabían nadar chegasen a terra, botándose a auga os primeiros; 44e despois os restantes, uns en táboas e outros en restos do barco. Deste xeito, chegaron todos sans e salvos a terra.

### Paulo cos navegantes na illa de Malta

**28** 1Xa a salvo en terra, soubemos que a illa se chamaba Malta. 2Os nativos tratáronos cunha humanidade pouco corrente: acenderon un lume e acolléronnos a todos, pois chovía e ía frío.

3Paulo xuntara algúns guizos de leña secos, e, ao botalos no lume, unha víbora que fuxía da calor enroscóuselle na man. 4Cando os indíxenas viron o animal pendurado na man dicían entre eles:

–Seguro que este home é un asasino: despois de se salvar do mar, a xustiza divina non o deixa vivir.

5Pero el botou o animal no lume e non sufriu mal ningún. 6Eles esperaban velo inchar ou caer morto de súpeto, pero logo de moito agardar, vendo que non lle pasaba nada novo, cambiaron de parecer e xa dicían que tiña que ser un deus.

7Nas proximidades de alí por aquela parte tiña unha propiedade o gobernador da illa, que se chamaba Publio, quen nos recibiu e nos hospedou amablemente durante tres días. 8Cadrou que o pai de Publio estaba encamado con febre e disentería. Paulo foino ver, rezou, impúxolle as mans e curou. 9A consecuencia disto, comezaron a vir tamén os outros enfermos que había na illa e quedaban curados. 10Eles, pola súa banda, enchéronnos de atencións e, cando decidimos partir, déronnos de todo.

### Proseguen a viaxe a Roma

11Tres meses despois embarcamos nun navío de Alexandría, que invernara na illa e que levaba a divisa dos Dióscuros. 12Atracamos en Siracusa, onde botamos tres días. 13Desde alí, costeando, chegamos a Rexio. Para o outro día levantouse o vento do sur e en dous días chegamos a Putéoli, 14onde atopamos irmáns que nos convidaron a pasar sete días con eles. E así chegamos a Roma. 15Os irmáns de alí, así que souberon de nós, viñéronnos recibir ata o Foro Apio e Tres Tabernas. Paulo, ao velos, deu grazas a Deus e animouse.

### Paulo entrevístase cos xudeus de Roma

16Cando entramos en Roma, a Paulo autorizárono a ter domicilio particular, cun soldado que o vixiaba. 17Tres días despois, convocou os principais dos xudeus. Cando se reuniron, díxolles:

–Irmáns, sen ter feito nada contra o pobo nin contra os costumes paternos, entregáron-

**28**, 2 *Nativos*, lit. "os bárbaros", expresión que entre os gregos se aplicaba aos estranxeiros que non falaban o grego (cf 1 Cor **14**, 11).

**28**, 11 *Dióscuros:* Divindades gregas tutelares da navegación, esculpidas á dereita e esquerda da proa. Equivalían aos latinos Cástor e Pólux.

**28**, 15 *Foro Apio* e *Tres Tabernas*: Cidades situadas respectivamente a 60 a 48 km de Roma. Quérese resaltar o bo acollemento de Paulo por parte da comunidade cristiá.

**28**, 17 Seguindo a súa norma (cf nota a **13**, 5), Paulo anúncialles o evanxeo antes aos xudeus.

me preso aos romanos en Xerusalén. [18]Estes,
logo de me interrogaren, querían me ceibar,
porque non había nada en min que merecese
a morte. [19]Pero, como os xudeus se opuñan,
vinme obrigado a apelar ao César, sen pre-
tender acusar en nada ao meu pobo. [20]Por
este motivo pedín vervos e falarvos, pois é
pola esperanza de Israel que levo esta cadea.
[21]Eles dixéronlle:
–Non recibimos de Xudea ningunha carta
sobre ti e ningún dos teus irmáns que chegou
nos falou mal de ti. [22]Pero si que nos gustaría
sentir pola túa boca o que pensas, pois o que
sabemos é que esa facción encontra oposi-
ción en todas as partes.
[23]Citáronse para un día e viñérono ver á
súa casa bastantes máis. El comezou a súa
exposición e daba testemuño do Reino de
Deus, tentando de os convencer de quen era
Xesús, partindo da Lei de Moisés e dos Pro-
fetas, desde a mañá á noite. [24]Uns deixáronse
convencer polo que dicía, pero outros non
crían. [25]Estando en desacordo uns cos outros,
comezaban a separarse cando Paulo engadiu
esta palabra final:
–Con razón díxolles o Espírito Santo a
vosos pais, por medio do profeta Isaías, [26]di-
cindo:

*Vai e dille a ese pobo:*
*escoitar escoitaredes,*
*pero non comprenderedes,*
*ollar ollaredes, pero non veredes;*
[27]*porque está endurecido*
*o corazón deste pobo;*
*fixéronse duros de oído*
*e pecharon os ollos:*
*non fose que visen cos ollos,*
*sentisen cos oídos,*
*entendesen coa intelixencia*
*e se convertesen, para que eu os cure*.

[28]Sabede, logo, que esta salvación de Deus
ofrécese aos pagáns, e eles si que escoitarán.

### Actividade de Paulo en Roma

[30]Paulo botou dous anos enteiros nunha
casa alugada e recibía a todos os que o vi-
ñan visitar, [31]predicando o Reino de Deus
e ensinando o que se refire ao Señor Xesús
Cristo, con audacia e sen impedimento nin-
gún.

**28**, 23 Resumo da típica predicación de Paulo aos xudeus: o Reino de Deus (as promesas contidas na Lei e nos Profetas) realizado en Xesús, o Mesías (cumpridas agora en Cristo resucitado).
**28**, 24 O resultado da "división de opinións" é o mesmo ca noutras predicacións (cf **14**, 1-2; **17**, 4-5. 12-13; **18**, 6-8; **19**, 9).
**28**, 27 A cita é de Is **6**, 9-10 (segundo os LXX), e aparece tamén nos evanxeos, para "encaixar" e dar razón da oposición dos xudeus a aceptaren o evanxeo (cf Mt **13**, 14-15; Mc **4**, 12; Lc **8**, 10; Xn **12**, 40). *Entendesen coa intelixencia*: lit. "entendesen co corazón".
**28**, 28 Algúns ms. engaden aquí o v. 29: "Cando dixo isto, marcharon os xudeus discutindo acaloradamente entre eles". Parece un influxo de **28**, 25.
**28**, 30 Durante estes dous anos de "arresto domiciliario", Paulo escribiría (caso de ser el o autor) as chamadas "Cartas da Catividade": Filemón, Colosenses e Efesios. A dos Filipenses sería anterior, pertencente a outra Catividade do Apóstolo.
**28**, 31 Aparentemente o final dos Feitos é algo abrupto, súbito: non conta o final do proceso nin dá máis novas do apóstolo. Con todo, cómpre ter en conta que os Feitos non foron concibidos como unha vida de Paulo, senón como un relato da difusión do evanxeo desde Xerusalén ata os "confíns da terra" (**1**, 8): a Boa Nova de Xesús é a auténtica protagonista do libro, e a súa difusión en Roma (simbólica capital do mundo habitado) é a culminación da súa sucesiva expansión por Xerusalén e Samaria, e ata os "confíns da terra", segundo a orde anunciada en **1**, 8, que o libro seguirá de feito.

# CARTAS DE SAN PAULO (CORPUS PAULINO)

## INTRODUCIÓN A SAN PAULO

### 1. Importancia e significado

*O nome de* Paulo *en grego, como el se chamaba, era Paulos. En latín verteuse en Paulus. Ás veces aparece tamén Paulos, que equivale ao hebreo Xaúl, probablemente un segundo nome, que Paulo, de acordo co costume dos xudeus helenistas, usaría no ambiente xudeu. Nacido de Xesús ao cristianismo, este home "da segunda hora" foi quen máis o influíu e quen con meirande forza marcou a súa orientación: máis do que calquera dos apóstolos e ca o mesmo Pedro. El foi o primeiro en escribir antes dos mesmos evanxeos sobre a experiencia cristiá. E fíxoo cun pulo nunca superado despois. A novidade radical do cristianismo e a súa universalidade expresa teñen nel o seu xenial proclamador e o seu incansable promotor.*

*Con Paulo o cristianismo, sen romper coa súa tradición hebrea, entrou profundamente no mundo grego, creando esa síntese grandiosa e chea de dinamismo expansivo, que foi a primeira teoloxía cristiá. Ela configurou o mundo occidental e forma aínda parte constitutiva do noso presente e, seguramente, do noso futuro. Non que fose el o único, pero si o primeiro e o máis vital.*

*Mais todo isto dánolo en cartas. Cartas reais non un procedemento artificioso, moi usado daquela, situadas no tempo e no espazo, dirixidas a comunidades concretas con necesidades moi definidas. Esa é a súa viveza e o seu engado perenne. Pero tamén a súa dificultade, cómpre recoñecelo. Por un lado, non forman unha "síntese", non poden organizarse como partes exactas dun sistema: non hai máis síntese ca a persoa mesma de Paulo e a súa convicción fundamental. Por outro, están suxeitas á súa época e á súa circunstancia, que non son as nosas e non nos resultan, por tanto, inmediatamente accesibles. As cartas de Paulo precisan interpretación para podelas ler e entender. Pero o esforzo vale a pena: a comunicación é posible, e na lectura ou, mellor, na meditación, convértese nunha fonte inesgotable de vida e de vivencia.*

*A orde en que aparecen non é a cronolóxica (nin, sen máis, a de importancia: posiblemente sexa só a do tamaño, de maior a menor). Para entendelas ben, cómpre situalas na súa sucesión na vida de Paulo.*

### 2. Vida e obra de Paulo

*Aínda que non todo é seguro, Paulo é o autor do N. T. que mellor coñecemos. As súas Cartas, sobre todo, pero tamén os Feitos dos Apóstolos, e certos datos cronolóxicos da historia profana contemporánea, posibilitan un cadro seguro de referencias. Aquí, naturalmente, quedará reducido ao mínimo: o xusto para facer máis accesible a súa obra. O lector fará ben en ter diante dos ollos os mapas incluídos en apéndice.*

#### 2.1. Antes da conversión

*Paulo nace a comezos da nosa era, non despois do ano 10. En Tarso de Cilicia, é dicir, nunha "cidade libre". Isto significa que, aínda que xudeu nacido de xudeus, tiña desde o nacemento a cidadanía romana (cousa que influirá moito no seu destino). A súa familia viña da tribo de Benxamín (Rm **11**,1; Flp **3**,5), e sabemos que tiña, polo menos, unha irmá e mais un sobriño (Feit **23**, 16).*

*O seu nacemento en Tarso, cidade enormemente culta, conferiulle unha sólida formación grega na lingua que dominaba e na mesma cultura filosófica. Pero estudou tamén en Xerusalén con Gamaliel (Feit **22**, 3), da seita dos fariseos, con quen se preparou para ser rabino (chegou a selo?): tiña, por tanto, unha sólida cultura bíblica e falaba tamén arameo.*

*Non coñeceu a Xesús, e foi inimigo declarado e teimudo dos cristiáns, mesmo perseguidor. En calidade de tal foi nunha misión importante a Damasco. Era o ano 36. No camiño sucedeu a conversión (Feit **9**, 3-19; **22**, 6-16; **26**, 12-18; Gál **1**, 13-17): "Saulo, Saulo, por que me persegues? Quen es ti, Señor? Eu son Xesús, a quen ti persegues": este é o núcleo seguro. Desta experiencia decisiva, o perseguidor fariseo saíu apóstolo de Cristo para sempre.*

#### 2.2. A etapa que segue á conversión *(35-45 d. C., aproximadamente)*

*Trátase dunha longa etapa, dez anos, complicada e non sempre determinable nos detalles. En todo caso, fundamental: Paulo madura a súa conversión, descobre a súa misión, chega ás súas intuicións fundamentais e decide a orientación definitiva da súa vida.*

*Despois da visión, pasa algúns días en Damasco, onde Ananías o recibe e o cura da cegueira. Logo marcha a "Arabia" (probablemente a actual Xordania). A estancia é breve –primavera do 37–; e puido ser en plan de retiro, de peregrinación ou posiblemente xa de predicación. Volve a Damasco por tres anos; e aquí hai dous datos importantes: 1, o posible contacto cos esenios (os escritos paulinos mostran notables paralelos coa doutrina de Qumrân); 2, as primeiras liortas con xudeus, que serán xa unha constante na súa vida (aquí sitúase a famosa escena da escapada, descolgado da muralla nunha cesta).*

*A pouco da súa conversión, vai a Xerusalén e desconfían del, pois antes fora perseguidor, e tiñan medo que simulara a conversión: menos mal que Bernabé saíu na súa axuda (Feit **9**, 26-30). Alí ten problemas con helenistas (outra fronte importante na súa vida); era polo ano 40. De Xerusalén marchou a Tarso, a súa cidade natal, e quedou alí ata que o foi buscar Bernabé e o levou para Antioquía (Feit **11**, 25-26).*

*Aos tres anos da súa conversión, vai a Xerusalén coñecer a Pedro, e pasa quince días con el. Non ve a ningún outro apóstolo, pero si a Santiago, "o irmán do Señor" (Gál **1**, 18-19). Catorce anos máis tarde irá con Bernabé e Tito a Xerusalén. Participará no Concilio, e verá polo menos a Santiago ("o irmán do Señor"), a Pedro e mais a Xoán. Certo que isto último aconteceu despois da primeira viaxe apostólica. En Antioquía, despois de estar algún tempo en Tarso, predica durante un ano, a carón de Bernabé (Feit **11**, 25-26).*

2.3. As viaxes misionais *(anos 45-58)*

*A partir de agora a personalidade de Paulo vai aparecer clara e destacada; emprende un vasto e pensado plan misioneiro: a súa vida convértese nunha impresionante peregrinación de apostolado. As cartas fan ver que houbo bastante máis de tres viaxes, pero a clasificación en tres grandes misións, xeralmente adoptada, resulta útil. Nesta etapa xorde a produción epistolar paulina: irémola destacando, para que o lector a poida situar na súa circunstancia concreta (os detalles, na introdución a cada epístola).*

*a) Primeira viaxe (anos 45-49: Feit **13**, 3-**14**, 26)*

*Saíndo, igual ca nas outras dúas, de Antioquía, Paulo percorre por mar e terra a esquina nororiental do Mediterráneo, incluída Chipre. Acompáñano Bernabé (chipriota el) e Xoán Marcos, que os abandonará, con desgusto de Paulo. As conversións entre os xentís son moi numerosas. Xorde o gran problema: tiñan que cumprir a Lei de Moisés? Tal era a tese dos xudaizantes, que querían circuncidar a todos. Paulo faise campión da liberdade e do universalismo cristián, apoiándose unicamente na fe en Cristo. Provoca o Concilio de Xerusalén (ano 49 ou 50), que lle dá a razón: foi o acontecemento máis decisivo da primitiva historia cristiá. Pero aínda nese mesmo ano, Pedro, que o apoiara, cede en Antioquía ás críticas dos xudaizantes e deixa de comer cos incircuncisos: Paulo "resístelle na cara" (Gál 2, 11), e, ao parecer, Pedro cede, aínda que a cuestión seguirá aínda remoéndose (cf Feit **15**, 13-29).*

*b) Segunda viaxe (anos 50-52; Feit **15**, 40-**18**, 22)*

*Enérxico, Paulo refuga a Xoán Marcos, que o abandonara, apártase de Bernabé e toma por compañeiro a Silas (Silván); no camiño (en Tróade?) xuntaráselle Lucas. Unha ollada ao mapa mostra a amplitude desta viaxe. Despois de percorrer as igrexas fundadas na anterior, Paulo pisa Europa: en Filipos funda a súa primeira comunidade europea; pasa por Atenas, onde fracasa (a "sabedoría" grega non capta xa a novidade evanxélica); e establécese dezaoito meses en Corinto. Aquí funda unha igrexa vigorosa, que lle dará alegrías e desgustos (as cartas que lle manda son boa proba). Desde Corinto escribe a I Carta aos Tesalonicenses, o máis primitivo escrito de todo o N. T. (ano 51) . Por mar, tocando algúns portos, volve por Xerusalén a Antioquía, onde "descansou" un ano ben completo (outono do 52 - primavera do 54).*

*c) Terceira viaxe (anos 53-58: Feit **18**, 23-21, 17)*

*Esta viaxe ten moito de estancia en Éfeso, onde reside por tres anos. Aquí recibe noticias das alegrías e dos problemas das súas comunidades: a carta convértese en instrumento da súa presenza. Sucesivamente vai escribindo: Gálatas (sobre o 55), Filipenses (sobre o 56) e I Corintios (no 57). Esta carta non foi ben acollida, e Paulo dirígese persoalmente a Corinto, pero non serviu de nada. Regresou a Éfeso, de onde saíu logo a causa da "revolta dos prateiros", alporizados porque a predicación paulina lles arruinaba o negocio. Marcha a Macedonia, onde se encontra con Tito, e escribe a II Corintios (outono do 57). Aínda fará unha terceira visita a Corinto, antes de se dirixir a Acaia, onde permanecería tres meses.*

*Aquí Paulo parece facer un reconto dos seus proxectos: quere completar a súa misión, dirixíndose a España e Occidente; de camiño visitará Roma, por iso escribe Romanos (sobre o 58). Pero antes quere facer unha colecta a favor dos pobres de Xerusalén e levala persoalmente. Alá se dirixe nunha longa viaxe –en Mileto ten o famoso discurso aos responsables da igrexa de Éfeso–, que cambiará todos os seus plans.*

2.4. Prisión e viaxe a Roma *(anos 58-63: Feit **21**, 15-**28**, 31)*

*En Xerusalén preséntase a Santiago e aos responsables, que o acollen ben e o tratan de protexer dos xudaizantes. Pero estes levántanse contra el e quéreno matar. Interveñen os romanos, que o arrestan para o protexeren, e acaban mandándoo a Cesarea por máis seguranza. Alí está dous anos (58-60) na cadea, ata que, cansado, apela ao César.*

*Vai, logo, a Roma, preso e nunha accidentada viaxe por mar, con naufraxio en Malta, chega a Roma na primavera do 61; pasa dous anos en arresto domiciliario, pero coa posibilidade de predicar. Aquí escribe as cartas da cativiade: Filemón, certo, e, con moita probabilidade, Colosenses e Efesios. A partir deste tempo acábanse as certezas biográficas sobre Paulo.*

2.5. O final

*Os Feitos non contan máis: Paulo foi "de Xerusalén ata Roma" que é o que lles interesaba mostrar. Morreu Paulo ao cabo desta prisión ou saíu aínda de Roma nunha derradeira etapa da súa actividade?*

*Se as Cartas Pastorais son auténticas, Paulo puido volver a Oriente, Éfeso, Macedonia e Grecia. En Macedonia escribirá I Timoteo e mais Tito (polo 65). A tradición eclesiástica di aínda que visitou España (Cremenzo Romano e o Fragmento Muratoriano), que padeceu o martirio baixo Nerón (Eusebio), morrendo decapitado (Tertuliano). Nesta definitiva prisión en Roma escribirá, como unha especie de testamento, II Timoteo, arredor do 67, data posible da súa morte.*

### 3. O "Corpus Paulino"

*Así se chama o conxunto das cartas escritas por Paulo (que na realidade foron máis das que coñecemos; en troques, non son del todas as que se lle atribúen). A pesar da súa irredutible orixinalidade, mostran a estrutura común daquel tempo: saúdo, acción de grazas a Deus, mensaxe (cunha parte doutrinal e outra parenética ou exhortativa), conclusión e saúdos finais. A parte das primeiras aos tesalonicenses, clasificanse en: grandes cartas (Rm, 1 e 2 Cor, Gál), pola súa extensión e importancia; cartas da catividade (Ef, Flp, Col, Flm), polas alusións á súa prisión; e cartas pastorais (1 e 2 Tim, Tit), pola súa temática de goberno e disciplina eclesiástica.*

*Tradicionalmente considérase que o "corpus" consta de catorce cartas. Pero a crítica non asume a autenticidade paulina (o que non nega a súa canonicidade e inspiración) de todas elas. Así Heb xeralmente considérase non paulina, e sobre as Pastorais hai serias dúbidas; discuten algúns: 2 Tes, Col e Ef; e admiten practicamente todos: 1 e 2 Cor, Rm, 1 Tes, Flp e Flm. Aquelas que son de dubidosa autoría paulina noméanse en xeral Cartas Déuteropaulinas, o que fai referencia a ter sido escritas nun segundo momento, recollendo a doutrina do Apóstolo.*

*Como queda indicado, a orde na que aparecen non é cronolóxica. Esta é moi probablemente a que se foi indicando na vida de Paulo: 1 Tes, 2 Tes, Gál, Flp, 1 Cor, 2 Cor, Rm, Flm, Col, Ef, 1 Tim, Tit, e 2 Tim.*

# INTRODUCIÓN Á CARTA AOS ROMANOS

*Aínda que aparece en primeiro lugar, esta carta non é a primeira que escribiu san Paulo. Pero si é quizais a máis importante e, por certo, a que máis influxo tivo na teoloxía posterior: xa na mesma Biblia (1 Pe, Heb, St), pero tamén despois, maiormente, a partir da Reforma. Cada nova lectura desta carta –non sempre fácil– constitúe unha auténtica sorpresa para o cristián sensible e atento.*

## 1. Destinatarios

*Contra o seu costume, Paulo non escribe esta vez a unha comunidade fundada por el (**15**, 20). Aínda hoxe non sabemos nin quen fundou a igrexa de Roma nin tampouco a data, aínda que todo indica que foi moi cedo. Estaba composta por xudeus-cristiáns e por pagáns conversos, sen que se poida determinar cal dos dous grupos predominaba numericamente. Como en todas partes, o choque das dúas mentalidades creaba problemas doutrinais e de convivencia. Pola súa vitalidade, polo seu número, e sobre todo, por estar en Roma, cabeza do imperio, a igrexa romana tiña xa sona universal na década dos cincuenta.*

## 2. Ocasión da carta

*Paulo entra na etapa final da súa vida. Dá por rematado o seu apostolado no Mediterráneo Oriental (Asia Menor e Grecia), e quere completar o seu traballo, dirixíndose a Occidente, sobre todo a Hispania (**15**, 24. 28). Para iso, deberá pasar por Roma, que xa tiña gana de coñecer (**1**, 15; **15**, 23). Na carta anuncia a súa visita. E de paso preséntase el e a súa doutrina. Sabe que tamén alí ten inimigos, que o calumnian e o acusan de minar os fundamentos da Historia da Salvación, sobre todo pola súa equiparación de todos os homes pagáns igual ca xudeus ante o misterio da salvación. Paulo expón, por tanto, as liñas fundamentais do "seu Evanxeo" (**2**, 16) e trata de refutar as obxeccións que lle poñen (por iso notará moitas veces o lector que a carta adopta un ton polémico ou dialogante, de pregunta e resposta).*

## 3. Contido

*Estamos ante un auténtico traballo de síntese madura e grandiosa: isto nótase moi ben, comparándoo coa carta aos Gálatas, que trata os mesmos temas, pero cun ton máis polémico e circunstancial. "Síntese" non quere dicir "resumo" (hai moitos temas que Paulo non toca aquí; Eucaristía, resurrección, Parusía...), senón trazado da arquitectura fundamental do cristianismo e exposición do significado radical da experiencia cristiá.*

*O centro é: a humanidade -toda ela- está salvada pola misericordia de Deus, manifestada en Cristo Xesús. Deus xustifica, é dicir, por puro amor e por propia iniciativa, perdoa o pecado da humanidade, concedendo unha especie de "amnistía xeral". Todo é gratuíto e, por iso, non existen privilexios: por si mesmos, tanto os pagáns (**1**, 18-32) como os xudeus (**2**, 1-3, 20), son culpables (**1**, 18 –**2**, 11) e están entregados á "ira". Só a fe na xustiza de Deus a través de Xesús abre a porta da salvación: xa foi así no A.T., como o mostra o exemplo de Abraham (**3**, 21-**4**, 25).*

*E porque xustifica, Deus salva: Cristo, ao se solidarizar connosco, transforma e vitaliza a nosa humanidade con moita máis forza do que fixo o pecado de Adán para deformala e escravizala: o cristián está xa libre do pecado, da morte e mais da Lei (**5**, 1-**7**, 25). Por iso a vida cristiá é xa unha vida no Espírito, que o establece nunha relación de fillo con Deus, plena e confiada xa aquí, e destinada definitivamente á herdanza da gloria (**8**, 1-39).*

*Nunha especie de digresión histórica, mostra entón Paulo que iso non contradí a acción de Deus na historia, a elección de Israel: o dominio de Deus, a liberdade da elección, a infidelidade de Israel (do home), a perspectiva final de salvación, exprésanse nunha visión tan grandiosa como misteriosa (**9**, 1-**11**, 36).*

*Finalmente, Paulo tira as consecuencias desta visión. O cristián debe vivir de acordo coa súa nova Vida, no servizo do Señor e no amor aos irmáns, con atención aos máis febles e necesitados (**12**, 1-**15**, 13).*

*O resto é xa conclusión e despedida.*

## 4. Estilo

*Escrita por mediación de Tercio (**16**, 22), a carta ten un estilo sobrio, sen moito adorno, ás veces lapidario, cheo de forza expresiva, en ocasións brillante. O grego utilizado non é o vulgar senón o usual entre as per-*

*soas cultas do seu tempo. Son frecuentes o paralelismo semítico e as conclusións –transicións, coas que remata un tema e inicia outro–. Utiliza tamén o diálogo ou diatriba, finxindo un interlocutor que fai obxeccións e demanda explicacións. Así consegue manter a atención e o interese do lector, que con facilidade se sente interpelado pola súa lóxica. Ás veces, a causa do fervor do razoamento, deixa incompleta a frase e resulta difícil de entender.*

### 5. Autenticidade, integridade e unidade

*Hoxe ninguén dubida de que sexa Paulo o autor desta carta. Só os capítulos **15** e **16** ofrecen certas dificultades e, propiamente, só o **16**. Este capítulo ten dúas partes diferenciadas: **16**, 1-23 mostra unha certa desconexión co resto da carta e, sobre todo, alude a unha serie verdadeiramente excepcional de coñecidos: vinte e oito persoas, e vinte e seis polo seu nome. Isto levou a algúns críticos a pensar que o anaco se refería á igrexa de Éfeso, que, ao revés de Roma, coñecía moi ben Paulo. Pero non é imposible que se trate de vellos coñecidos, agora instalados en Roma, que, como capital do Imperio, atraía a moita xente.*

*A segunda parte, **16**, 25-27, que constitúe a doxoloxía –canto de loanza final–, ofrece quizais máis dificultades: a inseguridade da súa posición (diversos manuscritos colócana en distintos lugares da carta), o estilo e o mesmo vocabulario, fan difícil, aínda que tampouco imposible, a súa atribución a Paulo.*

### 6. Data e lugar

*Entre o inverno do 57 e a primavera do 58, Paulo, á fin da súa terceira viaxe misional e, como diciamos, con grandes proxectos na cabeza, atópase en Corinto. Vai partir para Xerusalén a fin de lle levar a aquela comunidade a colecta que el fixera en Galacia, Macedonia e Acaia, como axuda material e como sinal de comuñón cristiá. É entón cando escribe a carta; a súa motivación e contido xa os coñecemos.*

# CARTA AOS ROMANOS

### Saúdo

**1** [1]Paulo, servo de Cristo Xesús, chamado para ser apóstolo, escollido para o Evanxeo de Deus, [2]que El prometera antes por medio dos seus profetas nas Escrituras santas, [3]e que trata do seu Fillo Xesús Cristo o noso Señor, que como home naceu da semente de David, [4]pero que polo Espírito santificador foi constituído Fillo de Deus con pleno poder ao ser resucitado dos mortos.

[5]Por medio del recibimos o don de ser apóstolos, para promovermos entre todos os pobos xentís a obediencia da fe, en honor do seu nome. [6]Entre eles tamén vos contades vós, chamados por Xesús Cristo. [7]A todos os predilectos de Deus, que estades en Roma, chamados a serdes santos, deséxovos graza e paz de parte de Deus noso Pai e do Señor Xesús Cristo.

### Limiar

[8]Primeiro de todo, doulle grazas ao meu Deus por medio de Xesús Cristo, a causa de todos vós, porque a vosa fe ten sona no mundo enteiro. [9]Deus, a quen dou culto no fondo do meu corazón anunciando o Evanxeo do seu Fillo, sabe moi ben que eu me estou a lembrar a cotío de vós [10]en todas as miñas oracións, rogando que, se é a súa vontade, eu teña por fin a satisfacción de vos ir visitar como sexa. [11]Teño moita gana de vos ver, para repartir convosco algún don espiritual que vos fortaleza; [12]é dicir, para nos animar mutuamente coa fe duns e doutros: a vosa e mais a miña.

[13]Ademais quero que saibades, irmáns, que moitas veces me propuxen irvos visitar, coa intención de recoller algún froito tamén entre vós, coma entre os outros pagáns e polo de agora non puido ser. [14]Estou en débeda con gregos, con estranxeiros, con sabios e con ignorantes; [15]así que, en canto dependa de min, estou disposto a vos anunciar o Evanxeo tamén a vós, os de Roma.

## A XUSTIFICACIÓN

### Enunciación do tema

[16]Porque eu non me avergonzo do Evanxeo, que é unha forza de Deus para a salvación de todo o que cre; primeiramente do xudeu, pero tamén do grego. [17]Porque nel a xustificación de Deus revélase desde a fe e para a fe, tal como está escrito: o que é xusto, pola fe, vivirá.

**1**, 1 *Servo*: segundo tradición do A. T., Paulo aplícase a si mesmo este título para indicar a súa total dispoñibilidade no servizo de Cristo e do Evanxeo.
*Apóstolo*: en sentido xeral, aplícase algunhas veces aos predicadores do Evanxeo (**16**, 7; 1 Cor **12,** 28; Ef **2**, 20; **3**, 5; **4**, 11); en sentido estrito, son "os Doce", elixidos por Cristo e testemuñas da resurrección. Paulo pertencería en certo sentido aos primeiros; pero a súa experiencia e misión excepcionais sitúano no segundo, en plano de igualdade cos Doce: tamén el "viu ao Señor" (1 Cor **9**, 1) e recibiu del a misión de ser testemuña (Feit **26**, 16; Rm **1**, 5; Gál **1**, 16).
**1**, 4 *Fillo de Deus con pleno poder*. Paulo sinala aquí os dous estadios fundamentais da misión de Xesús Cristo: presenza normal e plenamente "humana" na súa misión terreal, e grandeza, potencia e mais esplendor "divino" a partir da resurrección (e por efecto dela).
**1**, 5 *Obediencia da fe*: ao contrario do mundo grego, a fe non é unha opinión nin un mero proceso intelectual: nace dun "escoitar" a Deus, e realízase na "entrega" e no "compromiso" persoais.
**1**, 9 *Dou culto*: Paulo considera a predicación do Evanxeo como un culto, ao que el se consagra plenamente.
**1**, 10 Primeiro anuncio da súa intención de ir visitar Roma, camiño de Hispania e Occidente. Parece presentir as dificultades.
**1**, 16-17 Enunciación do cerne temático da carta: o Evanxeo é a acción poderosa de Deus para salvar a todas as persoas, cunha primacía histórica para os xudeus, pero sen privilexios: non hai máis fundamento ca a fe, é dicir, a acollida humilde, que non se apoia na propia suficiencia, senón unicamente en Deus.
*Xustificación* ou "xustiza" ("dikaiosyne"): unhas veces traduciremos dun xeito, outras doutro, sen que a distinción poida ser nunca clara. A "xustiza" é, en Deus, a súa misericordia, o seu perdón, o seu amor salvador. A xustificación é esa xustiza "actuando e actuada" na persoa: cambio radical e profundo, que a persoa non pode conseguir, senón unicamente aceptar de Deus pola fe.
**1**, 17 *Desde a fe e para a fe*: lit. "de fe a fe", expresión que se podería traducir tamén: a medida que progresa a fe; pola fe e para a fe, exclusivamente pola fe; no ámbito da fe. Non sería imposible unha alusión velada ao v. anterior: "primeiramente do xudeu" (desde a fe, aínda que imperfecta), "pero tamén do grego" (para a fe).
*Como está escrito*: a cita é de Hab **2**, 4, que aparece tamén en Gál **3**, 11 e Heb 1**0**, 38. Pode lerse tamén: "o que é xusto vivirá pola fe".

### Toda a humanidade pechada no pecado

18Ademais estase manifestando a ira de Deus
desde o ceo sobre toda impiedade e inxustiza
dos homes, que coa inxustiza asoballan a ver-
dade. 19Porque o que se pode coñecer de Deus
téñeno ben a vista, que Deus llelo puxo diante
dos ollos. 20Porque o que de Deus é invisible,
é dicir, a súa potencia eterna e a súa divindade,
resúltalle visible, desde que o mundo é mundo,
a quen reflexiona sobre as súas obras; de xeito
que non teñen escusa.
21Porque, cando coñeceron a Deus, non o
loaron como tal, nin lle deron grazas; máis
ben, parvearon con matinacións baleiras e
o seu corazón insensato encheuse de tebras:
22téndose por moi listos volvéronse parvos,
23que trocaron a gloria do Deus inmortal por
imaxes corruptibles de homes, de paxaros, de
bestas e de réptiles. 24Por iso Deus abando-
nounos ás cobizas dos seus corazóns e chega-
ron a envilecer os seus propios corpos, 25por
trocaren o Deus verdadeiro por un falso, e
por honraren e daren culto á criatura en lugar
do Creador (Bendito e loado polos séculos!
Amén!).
26Por iso abandonounos Deus ás paixóns
degradantes: as súas mulleres cambiaron o
uso natural polo que é contra a natureza. 27E
os homes, outro tanto: deixaron o uso natural
da muller, arderon en cobizas duns polos ou-
tros, homes con homes, cometendo torpezas
e recibindo o pagamento do seu extravío en
si mesmos. 28E, como lles pareceu inadmisi-
ble seguir recoñecendo a Deus, Deus aban-
donounos ao perverso pensamento de face-
ren o que non é decente. 29Están ateigados
de toda clase de inxustiza, maldade, cobiza,
perversidade; cheos de envexa, de homici-
dios, de rifas, de enganos, de depravación;
son detractores, 30murmuradores, inimigos
de Deus, inxuriadores, soberbios, fachendo-
sos, inventores de males, rebeldes cos seus
pais; 31sen xuízo, sen palabra, sen afecto, sen
misericordia. 32Eles coñecen ben a xustiza de
Deus, que castiga coa morte aos que tal fan;
pero, aínda así, eles fano e, por riba, apláu-
denlle a quen o faga.

### Mesmo os xudeus están no pecado

**2** 1Por iso, non tes escusa ti, home, quen-
quera que sexas, cando xulgas; pois ao
dares sentenza contra outros, estaste conde-
nando a ti mesmo, xa que fas aquilo mesmo
que xulgas condenable. 2Pois sabemos que o
xuízo de Deus contra todos os que tales cou-
sas fan está conforme coa verdade.
3Seica pensas, home, que por xulgares os
que fan esas cousas (facendo como fas ti o
mesmo) xa vas escapar por iso ao xuízo de
Deus? 4Ou é que abusas da súa inesgotable
bondade, do seu aguante e da súa paciencia,
e non te decatas de que esa benignidade de
Deus está tratando de te encamiñar cara á
conversión?
5Na medida da túa dureza e do teu impe-
nitente corazón estás amoreando ira contra ti
mesmo para o día da ira e da manifestación
do xusto xuízo de Deus. 6Pois El daralle a
cadaquén conforme aos seus feitos: 7aos que
perseveran nas boas obras e buscan a gloria,
a honra e a inmortalidade, halles dar vida
eterna; 8pero aos que só pensan no seu e non
seguen a verdade, senón a inxustiza, halles
dar castigo e ira.
9Tormento e estreitura para todos cantos
cometen o mal, primeiramente para o xudeu,
pero tamén para o grego; 10gloria, honor e
paz para todo o que fai o ben, primeiro para o
xudeu, pero tamén para o grego. 11Pois Deus
non actúa con favoritismo: 12os que pecaron

**1**, 18-**3**, 20 O tema central explícase agora negativamente: como a salvación vén só da fe, todo o que está fóra dela é só "condenación": tanto a cultura e relixión pagás (**1**, 18-32), como a mesma Lei xudía (**2**, 1-**3**, 20).

**1**, 18-20 Pasaxe tan famosa e importante como difícil e discutida. Paulo diagnostica a situación de feito do mundo pagán: a autosuficiencia que non se abre humildemente á presenza de Deus no mundo, acaba vítima de si mesma, na confusión mental e na degradación moral. Como bo xudeu, o apóstolo ve en todo iso unha manifestación da "ira de Deus" contra o pecado.

**1**, 25-31 Paulo apoia a súa descrición nun "catálogo de vicios" non moi desemellante ao que usaban os mesmos filósofos gregos (sobre todo estoicos) e os mestres xudeus (sobre todo esenios).

**1**, 25 *Deus verdadeiro...*: tamén podería ser: "a verdade de Deus pola mentira".

**1**, 32 O colmo da corrupción maniféstase non xa na degradación por debilidade, senón na súa xustificación teórica.

**2**, 1 *Home...* Paulo usa aquí o estilo da "diatriba", é dicir, dialoga cun personaxe imaxinario, que fai preguntas e obxeccións. Neste caso é un xudeu, ao principio indirectamente, logo claramente indicado (v. 17). Non por xulgar os demais queda a salvo o xudeu: nin a Lei (vv. 12-16), nin a circuncisión (vv. 25-29), nin as Escrituras (**3**, 1-8) poden substituír a fe.

**2**, 5 *Día da ira*: é o "día de Iavé" dos profetas (Xl **2**, 1-2; Am **5**, 18-20; Sof **1**, 14-18; Zac **1**, 14-17), e o "día do Señor" ou do xuízo final do N. T. Paulo, na súa diatriba contra o pecado, marca aquí máis o seu aspecto negativo.

**2**, 12-15 Unha clara mostra do universalismo paulino. Os xudeus pensaban que os que tiñan a Lei se salvaban, e que os que non a tiñan, se condenaban. Paulo vai máis fondo: sálvase quen é fiel á lei profunda do corazón, manifestada na propia conciencia no caso do pagán e na Lei mosaica no caso do xudeu.

sen estaren baixo a Lei, perecerán sen a Lei;
e os que pecaron dentro da Lei, serán xulgados por medio da Lei. [13]Pois non abonda
escoitar a Lei para estar a ben con Deus, senón que cómpre practicala para recibir o seu
beneplácito. [14]Cando os pagáns, con non teren Lei, practican naturalmente o que manda
a Lei, entón aínda faltándolles a Lei, eles son
lei para si mesmos. [15]E así amosan que levan
escrito nos seus corazóns o efecto da Lei: failles de testemuña a súa propia conciencia, e
de acusadores ou defensores os seus razoamentos.

[16]Así será no día en que por medio de Xesús Cristo xulgue Deus as cousas escondidas
dos homes conforme ao Evanxeo que eu predico.

### A circuncisión exterior e a Lei non valen

[17]Imos ao caso: ti que te consideras xudeu
e confías na Lei e presumes de Deus; [18]ti que
coñéces a súa vontade e, adoutrinado pola
Lei, acertas o que é mellor; [19]que estás convencido de seres guía dos cegos, luz dos que
están na escuridade, [20]educador dos ignorantes, mestre dos simples, porque tes na Lei a
representación do saber e da verdade.

[21]Ben, pois ti, que adoutrinas aos outros,
non te adoutrinas ti? Ti, que predicas que non
se roube, roubas? [22]Ti, que dis que non se
pode adulterar, adulteras? Ti, que abominas
dos ídolos, roubas nos templos? [23]Ti, que te
gabas de ter a Lei, deshonras a Deus transgredindo a Lei?

[24]Por iso, como está escrito, *pola vosa culpa maldín os pagáns o nome de Deus*.

[25]Certo, a circuncisión é útil, se practicas
a Lei; pero, se ti es un transgresor da Lei, a
circuncisión convértese en incircuncisión.
[26]Pois, se o que é incircunciso practica o que
manda a Lei, non é certo que a súa incircuncisión se volve circuncisión?

[27]Fisicamente non está circuncidado, pero,
se cumpre a Lei, hate de xulgar a ti, que, con
teres a Escritura e a circuncisión, es transgresor da Lei.

[28]Porque non é xudeu quen o aparenta externamente, nin é auténtica a circuncisión só
na carne; [29]senón que é xudeu quen o é por
dentro: e a verdadeira circuncisión é a do corazón, por obra do Espírito, non pola letra:
ese tal recibe a gabanza non dos homes, senón de Deus.

### Obxeccións

**3** [1]Cal é, logo, a vantaxe do xudeu? Para
que vale a circuncisión? [2]Moita, en todos
os sentidos. En primeiro lugar porque se lle
confiaron as palabras de Deus. [3]Que importa
que algúns non cresen? Ou é que a incredulidade deles vai anular a fidelidade de Deus?
[4]De ningunha maneira. Quede ben claro que
Deus é veraz, e que todo home é mentireiro,
como está escrito:

*Os teus argumentos amosarán a túa inocencia e no xuízo sairás vencedor.*

[5]Pero se a nosa inxustiza fai salientar a
xustiza de Deus, que diremos? Falando ao
xeito humano: non será inxusto Deus, descargando a súa ira? [6]De ningunha maneira.
Se así fose, como vai xulgar Deus o mundo?

[7]Xa, pero se, por contraste coa nosa mentira, a verdade de Deus queda destacada para
a gloria súa, por que por riba se me condena como pecador? [8]E por que non dicir xa
(como algúns con calumnia din que dicimos
nós): "Fagamos o mal para que resulte o
ben?". Esa xente merece a condenación.

[9]En resumidas contas, temos algunha vantaxe? En definitiva, ningunha, pois acabamos

**2**, 19-20 Denominacións desprezativas coas que o imaxinario interlocutor xudeu pretende marcar a súa superioridade.
**2**, 24 Cita, un pouco acomodada, de Is **52**, 5, segundo os LXX; cf Ez **36**, 20-22.
**2**, 25-29 Posible obxección do interlocutor: a circuncisión garante a salvación. Paulo: si, se vai acompañada da conduta e mais da obediencia no Espírito. Iso é o que, en definitiva, xulga tanto ao xudeu coma ao pagán.
**3**, 1ss Continúa a discusión. Antes era a circuncisión, agora son as "promesas": non ten o xudeu asegurada a salvación grazas a elas, ou acaso é Deus infiel? Deus non é infiel, pero o home é responsable: a salvación non é un proceso automático. Nos cc. **9-11** tratará sistematicamente a cuestión. O estilo da diatriba é vivo, pero non sempre claro: unhas veces Paulo discute co interlocutor imaxinario e outras consigo mesmo; nalgunha ocasión empeza cun argumento, que logo non continúa (por ex., o "En primeiro lugar" do v. 2 non ten continuación). Parecen resoar aquí as discusións reais de Paulo nas sinagogas.
**3**, 2 *Palabras de Deus*: a palabra profética e inspirada, que inclúe revelación, promesa e norma de conduta. Foi sempre para a Biblia prenda suprema de salvación.
**3**, 3-4 Que algúns falten a pesar destas palabras, non implica infidelidade de Deus –que non cumpriría a súa promesa de salvar–, senón a falsidade e infidelidade do home, que non acolle a salvación. A cita é do Sal **51**, 6 segundo os LXX.
**3**, 8 No cume da argumentación pon Paulo unha obxección que pretende apoiarse na súa autoridade (en realidade é pura calumnia, ou unha afirmación tirada do seu contexto: cf **5**, 20; Gál **3**, 22). Nin sequera a refuta: indignado, condena aos que tal cousa din.
**3**, 9 A tradución é difícil e discutida. Tamén se podería ler: "estamos nós (os xudeus) en desvantaxe?" ou "estou eu (nós) escusándome?". En definitiva, ningunha: tamén pode ser "Absolutamente non" ou "non moito", "en conxunto, non".

de deixar convictos tanto aos xudeus coma aos gregos, de estaren todos baixo o pecado.
10Como está escrito:

*Non hai nin sequera un xusto,*
11*non hai nin un ben asisado,*
*nin un que busque a Deus.*
12*Todos se extraviaron,*
*xuntamente se perderon;*
*non hai quen faga o ben,*
*non hai nin un.*
13*Sartego aberto é a súa gorxa,*
*coas súas linguas tecen dolos,*
*veleno de víbora hai nos seus beizos.*
14*A súa boca está chea de maldición*
*e amargura.*
15*Lixeiros son os seus pés*
*para verter sangue,*
16*sufrimento e miseria*
*deixan nos seus camiños,*
17*non atoparon camiño de paz.*
18*O temor de Deus non existe para eles.*

19Ora ben, sabemos que canto se di na Lei refírese aos que están baixo a Lei: para que toda boca quede pechada, e todo o mundo quede convicto ante Deus. 20Porque *ninguén se poderá xustificar ante El* polas obras da Lei, xa que a Lei só serve para dar conciencia do pecado.

### A xustificación só vén pola fe

21Mais agora, con total independencia da Lei, manifestouse a xustiza de Deus, a que atestaran a Lei e mais os Profetas. 22Esta é a xustiza de Deus por medio da fe en Xesús Cristo, para todos os que cren. Porque non hai distinción ningunha: 23todos pecaron, e carecen da gloria de Deus. 24Pero todos quedan xustificados, sen o mereceren, pola súa graza, mediante a redención que se realizou en Cristo Xesús. 25Pois Deus púxoo a El como propiciatorio no que, pola fe, se expían os pecados mediante o seu sangue. Así mostra que era xusto cando deixaba sen castigo os pecados cometidos antes, 26no tempo da paciencia de Deus, ao demostrar agora a súa xustiza no tempo presente; de xeito que se vexa que El é xusto e que xustifica a quen ten fe en Xesús.

27Onde está, logo, o orgullo? Quedou eliminado.

Por que Lei? ¿Pola das obras? Non; pola lei da fe. 28Pois afirmamos que o home é xustificado pola fe, con independencia das obras da Lei.

29Ou é que Deus é Deus dos xudeus soamente? Non o é tamén dos xentís? Certo, tamén dos xentís. 30Porque hai un só Deus, que xustificará a ambos: aos circuncisos pola fe, e aos incircuncisos tamén pola fe. 31Logo coa fe derrogamos a Lei? De ningunha maneira, máis ben a confirmamos.

### O exemplo de Abraham

**4** 1Que diremos, entón, que conseguiu Abraham, o proxenitor da nosa estirpe? 2Porque, se Abraham foi xustificado polas obras, ten razón de se gabar. Si, pero non diante de Deus. 3Porque, que di a Escritura?: *Fiouse Abraham en Deus e iso valeulle a xustificación*. 4Ao traballador non se lle conta o xornal como regalo, senón como algo debido. 5En troques, ao que non traballa, pero que se fía daquel que xustifica ao impío, a súa fe válelle para xustificación. 6Xa David declara ditoso o home a quen Deus lle concede a xustiza sen as obras:

**3**, 10-18 Composición, a base de varias citas unidas: Sal **14**, 1-3; **5**, 10; **140**, 4; **10**, 7; Is **59**, 7-8; Sal **36**, 2.
**3**, 19 *Lei*: aquí é todo o A. T.
**3**, 20 Anúnciase un tema que será amplamente tratado máis tarde (**7**, 7ss): a Lei, ao acabar mostrándose que o seu cumprimento estrito é superior ás forzas do home, enfronta a este coa súa culpabilidade e coa súa conciencia do pecado. Por iso a salvación vén da "misericordia" de Deus, acollida pola fe do home: é o que Paulo mostra a continuación (vv. 21-31).
**3**, 21 *Agora*: indica a presente etapa histórica da salvación definitiva, inaugurada por Cristo: á Lei e á ira séguenas a misericordia e o perdón.
**3**, 25-26 Pasaxe de moi difícil tradución. O miolo parece ser: a salvación realízase, para os que teñen fe, mediante Xesús, quen co seu sacrificio ("no seu sangue") consegue o perdón dos nosos pecados; (*propiciatorio* parece aludir ao lugar sobre a arca na que residía Iavé, dentro do Santo dos Santos).
A parte disto parece que Paulo indica que a plena manifestación actual ("no tempo presente") da xustiza salvadora de Deus, aclara e demostra que a súa paciencia cos pecados, que antes de Xesús ("no tempo da paciencia") deixou sen castigo, estaba xustificada: tamén a eles lles chega a salvación de Xesús (outras interpretacións son posibles).
A cruz de Xesús demostra que a paciencia de Deus, ao deixar sen castigo os pecados dos antigos, non era arbitraria nin inxusta: a redención de Xesús xustifica todo e mostra que todo é graza.
**3**, 28 *É xustificado*, "pasivo divino", é dicir: Deus xustifícao. En definitiva a salvación é obra de Deus: a persoa só a pode acoller pola fe, e vivir en consecuencia.
**3**, 30 *Circuncisos, incircuncisos*: lit. circuncisión, incircuncisión.
**4**, 1 Outra lectura posible: "que diremos entón de Abraham, o noso devanceiro? Que conseguiu segundo a carne?". Trátase dunha obxección: a tradición xudía interpretara a Abraham como prototipo do que se xustifica pola súa conduta exemplar. Paulo dálle a volta á argumentación e convérteo en modelo de xustificación pola fe.
**4**, 3 Cita de Xén **15**, 6 segundo os LXX.

7 *Benia aqueles a quen se lles perdoaron*
*as súas iniquidades,*
*aos que lles enterraron os seus pecados.*
8 *Benia o home a quen o Señor*
*non lle ten en conta o pecado.*

9Ora ben, esta benaventuranza tócalles só aos circuncisos ou tócalles tamén aos incircuncisos? Pois dicimos: *A Abraham a fe valeu a xustificación*. 10Pero, como lle valeu? Estando na circuncisión ou na incircuncisión? Non na circuncisión, senón na incircuncisión. 11E recibiu o sinal da circuncisión como marca da xustificación que recibira pola fe, estando aínda na incircuncisión. Desa maneira chegou a ser pai de todos os crentes incircuncisos, para que se lles conte como xustificación; 12e pai tamén daqueles circuncisos que non só están circuncidados, senón que ademais seguen as pegadas da fe que o noso pai Abraham tivo antes de se circuncidar.

**A promesa cúmprese por medio da fe**

13Pois a promesa a Abraham ou á súa liñaxe, de que el herdaría o mundo, non se lle fixo pola Lei, senón pola xustificación da fe. 14Xa que se fosen herdeiros pola Lei, a fe quedaría baleira e a promesa non se cumpriría: 15porque a Lei o que fai é traer a ira, dado que onde non hai Lei, tampouco hai infracción.

16Por iso a promesa depende da fe, para que sexa por graza, e así se manteña firme para toda a liñaxe: non só para o que nace na Lei, senón tamén para o que nace pola fe de Abraham, 17conforme está escrito: *púxente como pai de moitas nacións*, el é pai de todos nós ante o Deus en quen el creu, o que fai vivir os mortos e que chama á existencia mesmo ás cousas que non existen.

18Contra toda esperanza el creu na esperanza de ser *pai de moitas nacións*, como se lle dixera: *así será a túa liñaxe*. 19E non abalou na fe, aínda que ben vía que o seu corpo xa estaba morto –tiña ao pé de cen anos– e que morto estaba tamén o seo de Sara. 20Ante a promesa de Deus non dubidou por incredulidade, senón que se fortaleceu na fe, dando gloria a Deus, 21plenamente seguro de quen é poderoso para cumprir o que promete. 22*Por iso valeulle a xustificación*. 23Estas palabras non se escribiron soamente por el, 24senón tamén por nós. Pois tamén nos vai "valer" a nós que cremos naquel que resucitou dos mortos a Xesús, noso Señor, 25que foi entregado por culpa dos nosos pecados e foi resucitado por mor da nosa xustificación.

## A SALVACIÓN

**A salvación, efecto da xustificación**

**5** 1Xustificados, logo, pola fe, estamos en paz con Deus, por medio do noso Señor Xesús Cristo. 2Por El temos tamén entrada a esta graza na que nos mantemos; e estamos orgullosos coa esperanza de lograr a gloria de Deus. 3E non só isto, senón que estamos orgullosos nas tribulacións, sabendo que a tribulación xera a paciencia, 4a paciencia proba a fidelidade e a fidelidade produce a esperanza. 5E a esperanza non falla, porque o amor de Deus vértese nos nosos corazóns mediante o Espírito Santo, que se nos deu.

6De certo, xusto cando nós aínda estabamos sen forzas, no tempo preciso, Cristo morreu polos impíos. 7Non é fácil, en verdade, que alguén queira morrer por un home xusto (aínda que por un home bo, quizais se atreva alguén a morrer…); 8pero Deus demostrounos o seu amor no feito de que, sendo aínda nós pecadores, Cristo morreu por nós. 9Con máis razón logo, agora que xa estamos xustificados polo seu sangue, seremos por El salvos da ira. 10Porque, se cando eramos aínda inimigos, fomos reconciliados con Deus mediante a morte do seu Fillo, moito máis, xa reconciliados seremos salvos pola súa vida. 11Aínda máis: mesmo orgullosos estamos en Deus por medio do noso Señor Xesús Cristo, por quen agora recibimos a reconciliación.

**4**, 7 *Se lles perdoaron*: lit. "se lles taparon", modo hebreo (en xeral do Antigo Oriente) de referirse ao perdón dos pecados por Deus. A cita é do Sal **32**, 1-2.
**4**, 9 Xén **15**, 6.
**4**, 11 *Marca* ou "selo" ("sfraguís"), pasou despois a significar tamén o bautismo cristián.
**4**, 17 Cita de Xén **17**, 5.
**4**, 18 Contra todas as "esperanzas" humanas Abraham agarrouse á esperanza na promesa de Deus.
**4**, 25 A morte-resurrección de Xesús forma unha unidade inseparable, na que se realizou a nosa salvación. Pero Paulo nesta fórmula magnífica relaciona especialmente a morte co pecado, e a resurrección coa xustificación: tal é xustamente a visión da dobre cara da nosa redención.
**5**, 2 *Graza* en sentido complexo: a esfera da graza, o noso poder vivir en comuñón con Deus. *Esperanza da gloria*: aquilo que o cristián vive xa na graza, espérao aínda na súa manifestación plena e gloriosa como ben escatolóxico.
**5**, 5 *Amor de Deus*: o amor que Deus nos ten (non directamente o que nós lle temos a El). Paulo salienta de mil maneiras os efectos espléndidos (vv. 1-5) e a gratuidade absoluta (vv. 6-11) da salvación.

### Adán e Cristo

12Isto enténdese cun exemplo: o pecado
entrou no mundo por un home só, pero como
polo pecado entrou a morte, a morte pasou
a todos os homes e, en consecuencia, todos
quedaron incursos no pecado. 13Porque, de
feito, antes da Lei había pecado no mundo;
aínda que o pecado non se ten en conta can-
do non hai Lei; 14a pesar diso, a morte do-
minou desde Adán ata Moisés, mesmo sobre
aqueles que non pecaron cunha transgresión
semellante á de Adán. E Adán é unha figura
arquetípica daquel que está para vir.
15Pero de ningún modo hai comparanza
entre o delito e o don. Porque, se polo delito
dun morreron todos os demais, moito máis
polo favor dun home, Xesús Cristo, a graza e
o don de Deus rebordaron sobre todos. 16Nin
pasou co don o mesmo que coas consecuen-
cias do pecado dun único home: porque o
xuízo, partindo dunha soa transgresión, re-
matou en condena; en troques, o don, partin-
do de tantos delitos, rematou en absolución.
17Se, logo, pola transgresión dun home rei-
nou a morte, e por culpa dun só, canto máis
os que recibiron a abundancia da graza e do
don da benevolencia reinarán na vida por
medio dese un que é Xesús Cristo!
18Por tanto, como pola transgresión dun só
veu a condenación sobre todos os homes, así
tamén pola xustificación doutro só vén para
todos os homes a xustificación que dá a vida.
19Como a desobediencia dun único home vol-
veu pecadores a todos os homes, así tamén
a obediencia dun só volveu xustos a todos.
20Porque a Lei entrou para que a transgresión
abundase; pero onde abundou o pecado, so-
breabundou a graza, 21para que, como reinou
o pecado traendo a morte, así tamén a graza
reinaría pola xustiza, que produce a vida eter-
na, por medio de Xesús Cristo noso Señor.

### Mortos no pecado, vivos en Cristo

**6** 1Que diremos logo? Manterémonos no
pecado, para que abunde a graza? 2De
ningunha maneira. Os que xa morremos
ao pecado, como imos vivir aínda nel? 3Ou
ignorades que a cantos nos bautizaron para
Cristo Xesús, bautizáronos para unirnos á
morte del? 4Enterrámonos, logo, con el polo
bautismo para a morte, para que, como Cristo
foi resucitado dos mortos pola gloria do Pai,
así tamén nós camiñemos nunha vida nova.
5Pois se fomos enxertados nel pola semellan-
za dunha morte coma a del, seguro que tamén
o seremos por unha resurrección semellante.
6Tendo en conta isto, o noso home vello
foi crucificado, para que fose destruído o cor-
po pecador, a fin de non servirmos máis ao
pecado. 7Porque o que morre queda liberado
do pecado.
8Se xa morremos con Cristo, cremos que
tamén viviremos con El; 9e ben sabemos que
Cristo, resucitando dos mortos, xa non morre
máis, a morte xa non pode nada contra El.
10Porque o seu morrer foi un morrer ao pe-

**5**, 12-21 Pasaxe difícil, discutida, pero de excepcional importancia. Tradicionalmente leuse aquí a doutrina do pecado orixinal. Pero hai que ter coidado de non meter no texto as preocupacións e os razoamentos posteriores. O fundamental vén ser o seguinte: o cristián experimenta que, a pesar da forza do pecado, a graza é moito máis forte. Cristo é quen nola trae: El sálvanos a todos. Para explicalo, bota man dunha comparanza: Adán (que é, logo, algo secundario para salientar a centralidade de Cristo). A argumentación procede así: "se Adán foi isto para o noso mal, moito máis Cristo para o noso ben".

**5**, 12 *Isto enténdese...*: traducimos algo libremente, interpretando que Paulo quere explicar o anterior –a salvación de todos en Cristo– por unha comparación coñecida dos lectores: a de Adán e todos os homes.

*Pecado*, en singular, para indicar o poder maléfico que se opón a Deus e que incapacita ao home para o ben pleno.

*Morte*, tamén en sentido forte e complexo: morte física, pero tamén, e sobre todo, morte espiritual, apartamento de Deus, fonte de verdadeira vida.

*En consecuencia*: outros traducen "por canto...", "dado que...". Punto moi difícil e discutido. Outras lecturas diferentes aínda que non necesariamente opostas, senón complementarias son posibles: "dado que todos pecaron", "sinal de que todos pecaron", "a proba é que todos pecaron". Tendo en conta os vv. 13-14 (cf nota seguinte) a lectura adoptada parece bastante coherente.

**5**, 13-14 Demostración do "en consecuencia todos quedaron incursos no pecado": a proba é que había morte no mundo; pero esa morte non podía ser consecuencia de transgresións "concretas" ("semellantes á de Adán"), posto que non había Lei; só queda a anterior posibilidade: dalgún xeito os homes estaban incluídos na esfera do pecado pola súa solidariedade con Adán.

*Figura arquetípica*: lit. "tipo"; ter en conta que aquí é, máis ben, un "borrador", é dicir, un proxecto inferior á realidade definitiva. A partir deste momento, Paulo volve ao tema principal: a salvación plena por Cristo.

**5**, 20 Certos razoamentos teolóxicos e certas vivencias negativas da relixión non teñen en conta esta absoluta supremacía da graza e das súas consecuencias sobre o pecado e os seus efectos.

**6**, 3 Bautizados para Cristo: a tradución quere indicar dúas cousas: 1) pertenza: para pertencer a Cristo, 2) dinamismo: para identificarse cada vez máis con El. *Para unirnos á morte del*: para Paulo o cristián participa no mesmo morrer de Cristo, destruíndo así tamén en si mesmo o poder do pecado.

Seguramente hai aquí unha comparanza, inspirada no bautismo primitivo, que normalmente era por inmersión: de aí que a tradución podería ser "bautizarse entrando en...".

**6**, 6 *Home vello*, é dicir, nós tal como eramos sen a salvación de Cristo.

*Corpo pecador* ou "corpo de pecado", é dicir todo o noso ser (non só o corpo material), en canto dominado pola forza do mal e levando compulsivamente ao pecado.

cado para sempre, mais o seu vivir é un vivir para Deus. [11]Así tamén, vós considérádevos mortos ao pecado, pero vivos para Deus en Cristo Xesús.

[12]Que non domine o pecado o voso corpo mortal, para obedecerdes as súas cobizas. [13]Nin ofrezades os vosos membros como armas da inxustiza ao servizo do pecado. Máis ben poñédevos á disposición de Deus, como mortos que volvestes á vida. E ofrecede os vosos membros como armas da xustiza ao servizo de Deus. [14]Porque o pecado non vos dominará, que non estades xa debaixo da Lei, senón debaixo da graza.

### Liberados do pecado

[15]E logo, que? Ímonos pór a pecar, porque xa non estamos baixo a Lei, senón baixo a graza? De ningunha maneira. [16]Ben sabedes que se vos ofrecedes a alguén como escravos para o obedecer, sodes escravos dese a quen obedecedes: se ao pecado, para acabar na morte; se á obediencia, para acadar a xustificación.

[17]Pero, grazas a Deus, vós, aínda que erades escravos do pecado, obedecestes de corazón a doutrina fundamental á que vos entregaron; [18]e, liberados do pecado, fixéstesvos escravos da xustiza [19](falo á maneira humana por mor da vosa natural limitación). Así que, do mesmo xeito que antes puxestes os vosos membros ao servizo da inmoralidade e da desorde para caerdes na anarquía moral, así agora ponde os vosos membros ao servizo da xustiza para chegardes á santidade.

[20]Cando erades escravos do pecado, estabades ceibos fronte á xustiza. [21]Que froito sacastes entón daquilo do que agora vos avergonzades? Porque a fin diso é a morte. [22]Agora, en troques, liberados do pecado e feitos escravos de Deus, tedes como froito a santidade e como fin a vida eterna. [23]Pois o xornal do pecado é a morte, pero o regalo de Deus é a vida eterna en Cristo Xesús noso Señor.

### Liberados da Lei

**7** [1]Ou descoñecedes, irmáns –falo para os que coñecedes a Lei– que a lei domina no home unicamente mentres vive? [2]Así a muller casada está sometida pola lei ao home mentres lle vive; pero, se morre o home, queda liberada da vinculación legal a el. [3]Por iso, se mentres lle vive o home, vai con outro, será adúltera; pero, se lle morre o home, queda libre desa lei; de forma que xa non será adúltera se casa con outro home.

[4]Así que, meus irmáns, tamén vós quedastes mortos para a Lei mediante o corpo de Cristo, para pertencerdes a outro: a aquel que resucitou dos mortos; de xeito que deamos froitos para Deus. [5]De feito, cando estabamos na nosa condición irredenta, os degoros do pecado suscitados pola Lei influían nos nosos membros, a fin de que frutificásemos para a morte. [6]Pero agora, mortos a aquilo que nos encadeaba, quedamos liberados da Lei, de modo que poidamos servir na novidade do espírito e xa non máis na decrepitude da letra.

### Relación entre a Lei e o pecado

[7]Temos que concluír, logo, que a Lei é pecado? De ningunha maneira. Non obstante, eu non coñecín o pecado senón pola Lei, porque non coñecería a cobiza se a Lei non dixese "non cobizarás". [8]O pecado, aproveitando a ocasión que lle ofrecía o mandamento, fixo

**6**, 12-14 O cristián "morre" ao pecado: non é xa o seu escravo. Pero non nun proceso automático: queda liberado para "ser capaz" de vivir a nova Vida. A continuación Paulo clarifica aínda máis estas ideas, partindo dunha posible consecuencia absurda (v. 15).

**6**, 17 *Doutrina fundamental*: lit. "norma de doutrina", posiblemente un compendio de ensinanza cristiá, quizais o "credo", co que o neófito confesaba a súa fe ao se bautizar. En todo caso, o contido fundamental da primitiva ensinanza cristiá.

**6**, 21 *Que froito...*: Tamén se pode traducir: "Que froitos sacastes entón? Uns, que agora vos avergonzades deles?". O sentido é, de todos modos, moi semellante.

**7**, 1-25 O cristián, por estar morto ao pecado, queda liberado da Lei (vv. 1-6). Iso non significa que a Lei sexa mala en si mesma (v. 7), senón unicamente que para o home sometido aínda á escravitude do pecado –e polo tanto incapaz de a cumprir– convértese en instrumento de pecado. Este fracaso fai desexar a salvación (vv. 7-25).

**7**, 1 *Lei* de Moisés. Tamén en absoluto, puidera ser lei, en xeral ("os que tedes coñecementos xurídicos": os romanos tiñan sona de xuristas).

**7**, 4 *Mortos para a Lei*: liberados da Lei.

**7**, 5 *Na nosa condición irredenta*: lit. "carne". Aquí aparece ben claro que non se refire ao "corpo", senón ao estado sen Cristo, sen redención: en contraposición a agora, que viven "no Espírito". En diante simplificaremos a expresión: "condición mortal"; "condición pecadora", "baixos instintos", "nosa condición".

**7**, 7 *Eu*: Paulo sen se botar fóra do que di, non fai unha autobiografía: fala da experiencia humana en xeral, interpretada á luz da experiencia cristiá. Todos nos podemos atopar nestas profundas palabras.

*Non cobizarás*: cf Éx **20**, 17 e Dt **5**, 21.

**7**, 8-11 Como xa antes (**5**, 12) cando Paulo fala do "pecado" en singular, enténdeo como un poder que asoballa ao home, manténdoo en estado de escravitude e de perdición. Este poder, oposto a Deus, distínguese dos feitos concretos e persoais, os "pecados" en plural, para os que Paulo usa outras palabras, "delitos", "transgresións", "faltas", etc.

inzar en nós toda clase de cobiza; fóra da Lei
o pecado está morto. [9]De feito houbo un tempo no que eu non estaba baixo a Lei, e vivía;
pero, ao aparecer a Lei, recobrou a vida o
pecado [10]e morrín eu. Atopeime así con que
o mandamento, que era para dar vida, daba
a morte. [11]Porque o pecado, aproveitando a
ocasión que lle ofrecía o mandamento, extravioume e, valéndose del, levoume á morte.

[12]Por conseguinte, en si a Lei é santa e o
mandamento santo, xusto e bo. [13]Resulta,
logo, que o que era bo se fixo morte para
min? Non, abofé. Pero o pecado, valéndose
do que era bo, causoume a morte, mostrándose así no seu auténtico carácter de pecado;
dese xeito, grazas ao mandamento, resalta
extraordinariamente o carácter criminal do
pecado.

[14]Certo que sabemos que a Lei é espiritual;
pero eu son carnal, vendido como escravo ao
pecado. [15]Realmente, o que fago non o entendo: posto que non fago aquilo que quero,
senón que fago precisamente aquilo que detesto. [16]E, se o que fago é o que non quero,
con iso recoñezo que a Lei é boa.

[17]Pero entón xa non son eu o que obro,
senón, máis ben o pecado que mora en min.
[18]Pois sei que non é o ben o que mora en min,
é dicir, na miña condición irredenta, porque
o querer está dentro de min, pero o obrar o
ben, non. [19]Pois non fago o ben que quero,
senón que fago o mal que non quero. [20]E se o
que fago é xustamente o que non quero, non
son eu quen o fai, senón o pecado que mora
en min.

[21]Atopo, por tanto, en min esa lei: que, ao
querer facer o ben, o que me sae é o mal. [22]Na
intimidade do meu ser comprázome coa Lei
de Deus, [23]pero vexo outra lei no meu corpo,
que lle fai a guerra á lei da miña razón, escravizándome á lei do pecado, que levo no meu
corpo. [24]Pobre de min! Quen me librará deste
meu corpo instrumento da morte? [25]Pero, si:
grazas a Deus por medio de Xesús Cristo o
noso Señor!

Así que eu mesmo coa razón sirvo á Lei
de Deus, pero cos baixos instintos á lei do
pecado.

### A vida no Espírito

**8** [1]Como consecuencia: nin resto de condenación hai agora para os que están unidos
a Cristo Xesús. [2]Porque a lei do Espírito, que
rexe a vida unida a Cristo Xesús, libroume da
lei do pecado e da morte. [3]Pois o imposible
para a Lei, por estar incapacitada por culpa
da nosa condición irredenta, realizouno Deus
mandando, por cousa do pecado, o seu propio Fillo nunha condición semellante á condición do pecado, condenou o pecado nesa
propia condición. [4]Deste xeito o mandato da
Lei pode cumprirse en nós, que non vivimos
xa conforme a esa condición, senón conforme ao Espírito.

[5]Pois os que viven conforme aos baixos
instintos buscan as cousas dos mesmos, pero
os que viven conforme o Espírito buscan as
do Espírito. [6]A cobiza dos baixos instintos é
morte, pero a arela do espírito é vida e paz.
[7]Porque a cobiza da baixa condición é inimiga de Deus, posto que non se somete á Lei
de Deus, nin sequera pode; [8]e os que viven
conforme tal condición non poden agradar a
Deus. [9]Pero vós non vivides así, senón conforme ao Espírito, posto que o Espírito de
Deus habita en vós: se algún non ten o Espírito de Cristo, ese non é de Cristo. [10]Se Cristo está en vós, o voso corpo certamente está

**7**, 17 A contraposición é radical co estado de salvación en Cristo: "vivo: mais xa non vivo eu: é Cristo quen vive dentro de min" (Gál **2**, 20).

**7**, 22 *Na intimidade do meu ser*: lit. "no meu home interior", pero non o traducimos así, porque normalmente esta expresión significa en Paulo o "home novo", especificamente cristián. (Aquí refírese só á parte racional do home fronte á pasional).
Algo parecido sucede coa palabra lei –por iso con minúscula–, que aquí significa "norma" ou "principio" en xeral (non a Lei de Moisés).

**7**, 24 *Corpo instrumento da morte*: lit. "no corpo desta morte". Tamén cabe traducir: "destinado á morte". Neste grito culmina Paulo a súa descrición da situación do home baixo a prepotencia do pecado.

**7**, 25 A primeira parte do v. (25a) interrompe a secuencia normal do pensamento, de xeito que algúns autores a len a despois da segunda (25b), pero non é absolutamente preciso: ben pode ser unha exclamación temperamental, que adianta o que xa está a punto de dicir a continuación.

**8**, 3 *Condición semellante á condición do pecado*: aquí está encerrada a doutrina paulina da salvación. "Carne" (así di lit. o texto), refírese á condición humana, na súa debilidade, exposta sempre á tentación, á dor e á morte. *Semellante*: indica dúas cousas. 1.ª: Xesús asume realmente a condición da nosa carne (sentido positivo do «semellante»); 2.ª: para nos poder redimir, a carne de Xesús –permanecendo sufrinte e tentada– non está escravizada ao pecado (sentido restritivo do «semellante»), rompendo así o seu poder sobre el e sobre nós. Por iso nós agora estamos baixo a lei do Espírito (v. 2), capaces xa de cumprir o sentido profundo da Lei (v. 4), vivindo no amor e esperando confiados a gloria.

**8**, 9 *Espírito de Deus* e *Espírito de Cristo* aparecen intercambiables, pois indican a participación real do cristián na vida divina: a fonte desta vida é o "Espírito", que unhas veces se refire á vida de Deus en nós, e outras ao mesmo "principio divino" desa vida, que cada vez se vai revelando máis claramente como unha persoa trinitaria.

morto por culpa do pecado, mais o Espírito é vida por causa da xustiza. [11]Se o Espírito do que resucitou dos mortos a Xesús habita en vós, o mesmo que resucitou a Cristo dos mortos vivificará os vosos corpos mortais polo seu Espírito que habita en vós.

[12]Polo tanto, irmáns, somos de certo debedores; pero non da baixa condición, para vivirmos segundo ela. [13]Porque, se vivides segundo a baixa condición, teredes que morrer pero, se coa axuda do Espírito mortificades as obras do corpo, viviredes.

[14]Cantos se deixan guiar polo Espírito de Deus, eses son fillos de Deus. [15]Pois non recibistes un espírito de escravitude, para volverdes ao medo. Non. Vós recibistes un espírito de fillos adoptivos, grazas ao que podemos gritar: "Abbá!": Pai! [16]Este mesmo Espírito, xuntamente co noso, dá testemuño de que somos fillos de Deus. [17]E, se fillos, tamén herdeiros: herdeiros de Deus e coherdeiros con Cristo; xa que, se padecemos con el, é para sermos tamén despois glorificados con el.

### A gloria vindeira

[18]Pois penso que non hai comparanza entre os padecementos da vida presente e a gloria vindeira, que se vai revelar en nós. [19]Pois a esperanza viva da creación agarda ansiosa a revelación dos fillos de Deus. [20]Porque a creación está sometida ao fracaso; non pola propia vontade, senón polo poder daquel que a someteu, aínda que coa esperanza [21]de que tamén a mesma creación será liberada da escravitude da corrupción e levada á salvación gloriosa dos fillos de Deus.

[22]Pois sabemos que toda a creación vén xemendo ata hoxe e coma con dores de parto. [23]E non só isto, senón que nós mesmos, que temos xa as primicias do Espírito, xememos dentro de nós, degorando pola filiación, pola liberación do noso corpo. [24]Pois é en esperanza como estamos salvados. Ora que, a esperanza do que se ve non é esperanza, pois o que un xa ve, como o pode esperar? [25]Pero, se esperamos o que non vemos, demostramos esperar con constancia.

### O Espírito en nós

[26]Do mesmo xeito, tamén o Espírito acode a axudar a nosa debilidade. Nós non sabemos como debemos orar para pedir o que convén; pero o Espírito en persoa intercede por nós con xemidos máis fondos que as palabras. [27]E o Deus que escruta os corazóns, coñece a intención do Espírito, pois El intercede polos crentes, conforme á vontade de Deus.

[28]Sabemos ademais que todo colabora para o ben dos que aman a Deus, dos que foron escolleitos segundo os seus designios. [29]Pois El distinguiunos primeiro e predestinounos a reproducirmos a imaxe do seu Fillo, de tal maneira que el sexa o primoxénito entre moitos irmáns. [30]E a eses que predestinou, tamén os chamou; e a eses que chamou, tamén os xustificou; e a eses que xustificou, tamén lles deu a súa gloria.

### O amor de Deus

[31]Que máis se pode dicir despois disto? Se Deus está connosco, quen contra nós? [32]Aquel que non aforrou a seu propio Fillo

**8**, 11 A nosa resurrección está intimamente vinculada á de Cristo: é a súa consecuencia e, en certo modo, a súa continuación e realización plena.
**8**, 16 Tamén se poder ler: "dá testemuño no noso espírito", é dicir, é quen o fai consciente da filiación divina.
**8**, 17 A repetición do con (en grego forma palabras compostas: syn-) expresa vivamente a nosa participación real na vida e actividade salvadora de Cristo.
**8**, 19 *Creación*: o universo enteiro, aínda que algúns interpretan soamente a humanidade. A lectura adoptada abre unha perspectiva grandiosa sobre o proceso universal e totalizador da salvación. A outra no fondo diría o mesmo, dada a solidariedade que a Biblia sinala sempre entre o mundo material e o home.
**8**, 20 *Fracaso*: lit. vaidade, é dicir, impotencia e distanciamento de Deus. *Coa esperanza*: Deus, ao consentir unha creación sometida á impotencia, fíxoo "coa esperanza" é dicir, sabéndoo El e manifestándollo ao home, para que non desesperase de que, en definitiva, sería liberada.
Cabe outra interpretación desta pasaxe: "Porque a creación enteira está sometida ao fracaso (non pola propia vontade, senón polo poder daquel que a someteu). Pero ten unha esperanza: que tamén...".
**8**, 24 Lit. "Pois en esperanza fomos salvados" (non xa, por ex., en visión ou experiencia presente). Paulo, en toda a epístola, marca a diferenza entre a salvación presente –xa empezada, pero só empezada– e a salvación plena que nos agarda no futuro.
**8**, 25 Tamén se pode interpretar en sentido condicional-exhortativo: "se esperamos o que non vemos, temos que agardar con constancia".
**8**, 26-27 A oración cristiá nace das profundidades do "novo ser": é o Espírito mesmo de Deus quen promove os nosos mellores desexos e oracións, que son así conformes ao plan de Deus: a nosa salvación e felicidade.
**8**, 28 Hai unha variante posible: "...que en todo colabora Deus para o ben dos que o aman".
**8**, 29 *Distinguiunos*: lit. coñeceunos, no sentido bíblico, que inclúe amor, predilección.
*Predestinounos*: a salvación é iniciativa gratuíta de Deus, non mérito do home, o que non significa que o home non coopere, acollendo ou refugando. Paulo describe un proceso, o da Historia da Salvación: non fala de individuos, senón dos cristiáns, como "pobo".
**8**, 31-39 Magnífica, sublime expresión de confianza en Deus: nada hai máis grande ou poderoso ca o seu amor, e ese amor está totalmente comprometido a favor noso.

senón que o entregou por todos nós, como non nos vai regalar todo xunto con El?

[33]Quen acusará aos escolleitos de Deus? Sendo Deus o que perdoa, [34]quen os vai condenar? Cristo Xesús, o que morreu, mellor, o que resucitou, o que está á dereita de Deus e que intercede por nós?

[35]Quen nos pode arredar do amor de Cristo? A tribulación, a angustia, a persecución, a fame, a nudez, o perigo, ou a espada? [36]Porque está escrito:

*Por causa túa estamos ás portas da morte*
*o día enteiro, parecemos ovellas listas para*
*o sacrificio*.

[37]Pero en todas estas cousas vencemos coa axuda daquel que nos amou. [38]Porque estou seguro de que nin a morte nin a vida, nin os anxos nin os principados, nin o presente nin o porvir, nin as potestades, [39]nin a altura nin o abismo, nin calquera outra criatura nos poderá afastar do amor que Deus nos ten en Cristo Xesús, noso Señor.

## O MISTERIO DE ISRAEL

### A elección de Israel

**9** [1]Como discípulo de Cristo digo a verdade, non minto, e dáme disto testemuño a miña propia conciencia, alumada polo Espírito Santo: [2]que teño moi grande dor e o meu corazón sofre seguido. [3]Quixera ser eu mesmo maldito, apartado de Cristo, por mor dos meus irmáns, os meus parentes de estirpe. [4]Eles son israelitas e a eles pertencen a adopción filial, a gloria de Deus e as alianzas, a lexislación, o culto e as promesas; [5]a eles pertencen os patriarcas; e deles vén Cristo como home. O Deus que está sobre todo, sexa bendito polos séculos. Amén.

[6]Non é, de ningún xeito, que a palabra de Deus fallase. O que pasa é que non todos os que veñen de Israel son israelitas, [7]nin todos os que nacen de Abraham son fillos seus. Máis ben: en Isaac estará a túa descendencia; [8]isto é, non os fillos da carne son por iso fillos de Deus, senón que só os fillos da promesa son recoñecidos como descendencia. [9]Pois as palabras da promesa son: *Por este mesmo tempo virei e Sara terá un fillo*.

[10]Pero isto non é todo. Tamén Rebeca tivo dous fillos dun só home, de Isaac, o noso pai. [11]E, cando aínda non naceran, nin puideran facer nada, nin bo nin malo –a fin de que continuase firme o plan de Deus, que depende da súa elección: [12]non das obras senón del, que chama– xa se lle dixo a Rebeca: *o máis grande servirá ao* máis pequeno, [13]tal como está escrito: *quixen a Xacob, preferino a Esaú*.

[14]Tiramos, logo, a conclusión de que Deus é inxusto? De ningunha maneira. [15]Pois díxolle a Moisés:

**8**, 33-34 A segunda parte de cada un destes v. pode lerse tamén en sentido interrogativo: "Quen acusará...? Acaso Deus, o que perdoa?": "Quen os vai condenar? Acaso Cristo Xesús...?". É dicir, en ambos os dous casos ninguén vai acusar nin condenar: o significado resulta exactamente o mesmo.
**8**, 36 Cita do Sal **44**, 23.
**8**, 38 *Anxos, principados...*: diversas categorías de espíritos, benéficos ou maléficos, en todo caso superiores ao home. Pero sobre o cristián non teñen poder.
**8**, 39 *Altura, abismo*: forzas cósmicas que poderían dominar o home. Tampouco eles non teñen poder sobre o cristián. É dicir, a salvación é mais forte ca todo o real e o imaxinable: no amor de Deus en Cristo o cristián está, a "pesar de todo", seguro.
**9**, 1-32 Este c. trata o difícil tema da elección divina. Paulo fala dentro dunha mentalidade semítica. A nós, educados nun pensamento máis lóxico, resúltanos difícil entender ben a súa intención e corremos perigo de a deformar, se a tomamos, sen máis, á letra. Foi o que sucedeu na maior parte das famosas controversias sobre a predestinación.
A idea fundamental que Paulo quere subliñar é a da "gratuidade da salvación": só Deus a pode regalar, ninguén se pode sentir con dereito ou con máis dereito a ela. E as diferenzas que de feito aparecen son inevitables, porque ao se encarnar na historia, a salvación ten que se realizar a través dun pobo e duns individuos concretos. Deus elíxeos, non por "favoritismo", senón como servizo aos demais. Por iso, a figura suprema do elixido é tamén a figura do máximo servidor: o Servo de Iavé, realizado plenamente en Xesús.
A esta luz cómpre ler o razoamento e as expresións de Paulo, que por veces poden resultar duras para a nosa sensibilidade actual.
**9**, 3 *Maldito*, apartado de Cristo: lit. "anatema". Paulo estaría disposto ao máximo imaxinable pola salvación dos seus irmáns.
**9**, 5 Versículo discutidísimo. Depende da puntuación. A adoptada no texto interpreta a parte final como unha doxoloxía: "Deus" é así o Pai (segundo costume ordinario de Paulo e de todo o N. T.), a quen se loa despois da enumeración da súa obra salvífica.
Outra tradución probable: "... Cristo segundo a carne, o que está sobre todo, Deus bendito polos séculos. Amén". Aquí "Deus" referiríase directamente a Xesús, proclamando así solemne e expresamente a súa divindade.
Outra tradución posible: "deles é o Deus que está sobre todo, bendito por sempre. Amén". "Deus" referiríase ao Pai e sería o derradeiro e meirande dos privilexios de Israel.
Son aínda posibles outras traducións.
**9**, 7 Cita de Xén **21**, 12.
**9**, 9 Cita de Xén **18**, 10. 14.
**9**, 12 Xén **25**, 23.
**9**, 13 Cf Mal **1**, 2-3. *Preferino a Esaú*: lit. "amei a Xacob e odiei a Esaú", expresión oriental para indicar a preferencia.
**9**, 15 Éx **33**, 19.

*Heime compadecer de quen eu queira,*
*e hei ter misericordia de quen eu queira.*
16Polo tanto, non depende do querer ou do
correr do home, senón de que Deus se com-
padeza. 17Pois di a Escritura ao faraón: *Para*
*isto te levantei: para mostrar en ti o meu*
*poder e para que se proclame o meu nome*
*en toda a terra*. 18En resumo: de quen quere
compadécese, e a quen quere endureceo.

### Liberdade e misericordia de Deus

19Quizais me dirás: por que aínda se queixa,
logo? Quen é capaz de contradicir a súa von-
tade? 20Home! E quen es ti para contradicires
a Deus? *Poderalle dicir o barro a quen o mo-*
*dela*: por que me fas así? 21Ou non ten poder o
oleiro para facer da mesma masa un cacharro
nobre ou un cacharro para usos comúns? 22E
que, se Deus, querendo mostrar a súa ira e dar
a coñecer o seu poder, soportou con moita pa-
ciencia aos que eran obxecto de reprobación,
listos xa para a destrución; 23e isto para dar a
coñecer a abundancia da súa gloria en favor
dos que eran obxecto de misericordia, que de
antemán preparou para a gloria? 24(Estes so-
mos nós, que nos chamou non só de entre os
xudeus, senón tamén de entre os xentís).
25Pois iso é o que se di en Oseas:
*Hei chamar "meu pobo"*
*a quen non é o meu pobo,*
*e á non amada, "a miña amada";*
26*e no lugar onde se lles dixo:*
*"vós non sodes o meu pobo",*
*alí mesmo hanse chamar*
*"fillos do Deus vivo"*.
27E Isaías proclama a propósito de Israel:
*Aínda que o número dos fillos de Israel*
*sexa coma o das areas do mar,*
*hase salvar un resto soamente:*
28*Totalmente e sen tardanza*
*cumprirá o Señor a súa palabra na terra*.
29E conforme dixo tamén Isaías:
*Se o Señor dos Exércitos*
*non nos deixase unha descendencia,*
*pasaríanos coma aos de Sodoma,*
*semellariámonos aos de Gomorra.*

### Israel seguiu a Lei

30Temos que concluír, logo, que os pagáns,
que non buscaban xustificación, conseguiron
a xustificación? Si, pero a xustificación que
vén da fe. 31Israel, en cambio, que buscou
con gran esforzo unha lei que dese a xustifi-
cación, non conseguiu tal lei.
32E por que? Porque non a buscaron pola
fe, senón polas obras: bateron na pedra 33da
que fala a Escritura:
*Ollo! Que poño en Sión unha pedra de tro-*
*pezo, un rebo que fai caer; pero quen crea*
*nel non quedará defraudado.*

**10** 1Irmáns o desexo do meu corazón e a
miña oración a Deus por eles é para
que se salven. 2Eu dou fe en favor deles de
que teñen fervor relixioso, pero non é un
fervor ben entendido. 3Pois ignorando a xus-
tificación de Deus, e procurando establecer
a súa propia, non se someteron á xustifica-
ción de Deus. 4Porque a culminación da Lei é
Cristo, para xustificar a todos os que cren.

### Salvación para todos

5Pois Moisés escribe da xustificación que
vén pola Lei: quen a practica, sálvase por ela.
6Pero a xustificación que vén pola fe di así:

**9**, 17 Éx **9**, 16. Nótese: ao faraón fálalle a Escritura; a Moisés, Deus mesmo: a revelación directa acontece só en Israel: só máis tarde se fará universal.
**9**, 18 Neste resumo culmina tamén a dureza da expresión paulina. Para salientar o principal –a primeira parte referente á misericordia–, eleva á categoría de principio o feito do endurecemento humano; en aparencia atribúe á acción directa de Deus o que é froito da libre conduta humana. Trátase dun xeito semítico de expresión, neste caso axudado pola circunstancia de que se atende, máis que ao problema individual, ao papel na Historia da Salvación: así de paso, subliñase a soberanía de Deus sobre a historia.
**9**, 20 Cf Sab **15**, 7; Is **29**, 16; **45**, 9; **64**, 7; Xer **18**, 6. Imaxe, como se ve, moi usada e viva no mundo bíblico, para expresar a capacidade e soberanía creadora de Deus. Quen contemple a actividade dun dos nosos oleiros, comprenderá moi ben esta imaxe.
**9**, 22-24 Toda a actividade de Deus na historia –incluso o soportar sobre a terra a presenza dos malvados e dos que oprimiron o seu pobo– foi en definitiva para mostrar a súa misericordia cos que se salvan: entre eles estamos tamén nós, os cristiáns. O novo e magnífico desta última afirmación experimentábase mellor naquel momento inaugural, sobre todo falando a pagáns.
**9**, 25s Os **2**, 25; **2**, 1 Ambas as dúas citas están acomodadas por Paulo.
**9**, 27 Is **10**, 22-23 (segundo os LXX e resumindo). *Un resto*: nas grandes desgrazas nacionais de Israel, coas seguintes apostasías en masa, brillaba sempre un raio de esperanza: había sempre un grupo pequeno, –o resto– que se mantiña fiel. Este resto mantiña a Alianza e levaba cara a diante a promesa.
**9**, 29 Is **1**, 9 (segundo os LXX).
**9**, 30-31 Unha vez máis: a salvación non se forza, é regalo. Por iso os pagáns, que non a buscaban, atópanse con ela; en troques os xudeus, que a quixeron conseguir polas propias obras, non a lograron.
**9**, 33 Is **8**, 14; **28**, 16.
**10**, 5 Lev **18**, 5.
**10**, 6-8 Modo un tanto "escolástico" de argumentar, segundo o costume da época. Cítanse Dt **9**, 4; **30**, 11-14. Os comentarios targúmicos aludían a Moisés baixando do Sinaí e a Xonás subindo do abismo. O home non precisa –nin podería– subir ou baixar máis alá das súas forzas: todo iso xa o fixo Cristo para nós.

Non digas no teu corazón, *quen subirá ao ceo?* (é dicir, para facer baixar a Cristo). [7]Ou *quen baixará ao abismo?* (é dicir, para facer subir a Cristo de entre os mortos). [8]Que di, logo, positivamente?:

*Cerca de ti está a palabra,*
*na túa boca e no teu corazón.*

Esa é a palabra da fe que anunciamos. [9]Porque, se confesas coa túa boca que Xesús é Señor e cres de corazón que Deus o resucitou dos mortos, serás salvo. [10]Pois é crendo co corazón como se chega á xustificación; e mais é confesando coa boca como se chega á salvación. [11]Porque di a Escritura: *todo o que crea nel non quedará defraudado*. [12]Pois non hai diferenza entre o xudeu e o grego, xa que un mesmo é o Señor de todos, rico para todos os que o invocan; [13]porque *todo o que invoque o nome do Señor será salvo*.

[14]Ora ben, como han de invocar a aquel en quen non creron? Como han de crer naquel de quen non oíron falar? Como han de oír, sen alguén que anuncie? [15]Como han de anunciar, se non os mandan? Por iso está escrito: *Benvidos os pés dos que anuncian o ben*.

### A infidelidade de Israel

[16]Pero non todos aceptaron a Boa Nova. Pois xa di Isaías:

*Señor, quen fixo caso da nosa predicación?*

[17]Polo tanto, a fe é suscitada pola predicación, e a predicación vén pola palabra de Cristo. [18]E digo eu: Eles non oirían? Por forza! Por toda a terra se espallou a súa voz, e ata o cabo do mundo as súas palabras. [19]Pero insisto: será que Israel non entendeu? Moisés é o primeiro en dicir:

*Eu vouvos meter celos por un pobo que nin tan sequera o é; por un pobo parvo vouvos enfurecer.*

[20]Isaías atrévese a dicir:

*Atopáronme os que non me buscaban,*
*e manifesteime aos que non preguntaban por min.*

[21]E referíndose a Israel, di:

*Todo o día estiven a estender as miñas mans cara a un pobo desobediente e teimudo.*

### En Israel Deus reservou un "resto"

**11** [1]Pero entón pregunto: e non será que Deus rexeitou o seu pobo? De ningunha maneira. Pois tamén eu son israelita, da proxenie de Abraham, pola tribo de Benxamín: [2]*non rexeitou Deus ao seu pobo, o pobo que El escolleu*. Ou é que non sabedes o que di a Escritura na historia de Elías? Como interpela a Deus en contra de Israel: [3]*Señor, mataron aos teus profetas, desfixeron os teus altares; quedei eu soamente, e aínda buscan a miña vida*. [4]Pero, que lle responde a voz divina?: *Reservei para min sete mil homes, que non dobraron o xeonllo perante Baal*.

[5]Da mesma maneira, tamén neste intre de agora, reservou un resto elixido por pura graza. [6]Ora, se foi por graza, non foi polas obras; outramente a graza xa non sería graza.

[7]Entón que? Que Israel non logrou o que andaba a buscar, mentres que o lograron os elixidos. Os demais endurecéronse, [8]como está escrito:

*Deulles Deus un espírito aparvado,*
*ollos para non veren e oídos para non oíren,*
*ata o día de hoxe.*

[9]E David di:

*Tróquese a súa mesa en gaiola*
*e mais en rede,*
*en tropezo e mais en castigo para eles.*
[10]*Entebrezan os seus ollos para non veren;*
*dóbrelles o lombo para sempre.*

### A salvación dos xentís

[11]Sigo preguntando: E eles tropezaron para non se ergueren máis? De ningunha maneira. Ao contrario, pola súa caída veulles a sal-

**10**, 10 Trátase dun paralelismo retórico, que subliña a necesidade da entrega completa exterior e interior á fe. Non segundo se fixo en certas especulacións que a fe leve á xustificación, e a confesión á salvación, como dimensións distintas e separadas.
**10**, 11 Is **28**, 16, acomodado por Paulo.
**10**, 12-21 Paulo vai graduar unha serie de obxeccións que podería facer un xudeu para desculparse da súa fe en Cristo. 1) vv. 14-15: non creron os de fóra de Palestina porque ninguén lles predicou a Cristo. 2) v. 16: non todos os que (en Palestina) oíron, creron. 3) v. 18: quizais en realidade non oíron. 4) v. 19: aínda que oíron, se cadra non entenderon. A contestación paulina é sempre a base de citas da Escritura; non sempre demasiado clara, pero en conxunto enténdense ben.
**10**, 13 Xl **3**, 5.
**10**, 15 Is **52**, 7.
**10**, 16 Is **53**, 1.
**10**, 17 Pola palabra de Cristo: pode ser "pola palabra que trouxo Cristo" ou "pola palabra acerca de Cristo"; isto último parece máis probable, pero seguramente inclúe tamén o primeiro significado. Tamén se pode interpretar: "Por orde de Cristo".
**10**, 18 Sal **19**, 5.
**10**, 19 Dt **32**, 21.
**10**, 20 Is **65**, 1.
**10**, 21 Is **65**, 2, acomodado.
**11**, 2 1 Sam **12**, 22.
**11**, 3 1 Re **19**, 10, modificado.
**11**, 4, 1 Re **19**, 18.
**11**, 8 Dt **29**, 3; Is **29**, 10, unidos e acomodados.
**11**, 9 Sal **69**, 23-24.

vación aos xentís, a fin de espertar neles os celos. [12]Ora que, se a súa caída foi riqueza do mundo e a súa perda foi riqueza dos xentís, que non será a súa plenitude?

[13]Isto dígovolo a vós, os xentís. E, como apóstolo que son dos xentís, fago gala deste ministerio, [14]por ver se esperto celos nos da miña xente e podo así salvar a algúns deles. [15]Se a súa reprobación foi reconciliación do mundo, que será a súa acollida, senón unha auténtica vida, que xorde de entre os mortos?

[16]Se as primicias son santas, tamén o será a masa restante; e se a raíz é santa, tamén o serán as pólas. [17]Esgallaron algunhas das pólas e a ti (que es unha oliveira brava) enxertáronte nelas e fixécheste participante da raíz e do zume da oliveira. [18]Non te gabes de ser máis que as pólas. Se te pos por máis, pensa que non es ti quen leva á raíz, senón a raíz a ti.

[19]Poida que digas: esgallaron as pólas precisamente para me enxertaren a min. [20]De acordo: esgalláronas pola incredulidade e ti, en troques, pola fe manteste en pé. Pero non te enchas de fachenda e anda con moito ollo. [21]Que se Deus non perdoou as pólas naturais, vaite perdoar a ti?

[22]Considera a bondade e a severidade de Deus: para os que caeron, severidade; en troques, para ti a bondade de Deus, con tal de que permanezas nesa bondade; do contrario, tamén a ti te esgallará. [23]E o mesmo eles; se non se afincan na incredulidade, volverá enxertarlos, porque Deus é poderoso para os volver enxertar.

[24]Pois se a ti te tallaron da túa nativa oliveira brava e contra a natureza prendiches nunha boa oliveira, canto mellor agromarán eles na oliveira da súa mesma caste!

**Restauración de Israel**

[25]Non quero, irmáns, que descoñezades este misterio, a fin de que non vos fiedes da vosa sabedoría: que a cegueira dunha parte dos israelitas vai durar ata que entre a totalidade dos xentís; [26]e así salvarase a totalidade de Israel, como está escrito:

*Sairá de Sión o Salvador,*
*afastará de Xacob a impiedade,*
[27]*e este será o meu pacto con eles,*
*cando lles arrinque os seus pecados.*

[28]Tocante ao Evanxeo, son inimigos en proveito voso; pero tocante á elección, son amados por causa dos patriarcas. [29]Pois os dons e a chamada de Deus son irrevogables. [30]Porque vós fostes noutrora desobedientes a Deus, pero agora conseguistes a misericordia por desobediencia deles. [31]Do mesmo xeito: tamén eles agora non creron, para que, con ocasión da misericordia usada convosco, tamén eles logren misericordia. [32]Porque Deus encerrou a todos os homes na desobediencia, para se compadecer de todos.

[33]Que fondos son a riqueza, a sabedoría e o coñecemento de Deus! Que inescrutables son os seus xuízos e inexplorables os seus camiños! [34]Pois, quen coñeceu a mente do Señor? Ou quen foi o seu conselleiro? [35]Quen lle emprestou algo, para que El llo teña que devolver? [36]Del saíron, por El e para El existen todas as cousas. A El a gloria polos séculos. Amén.

## A VIDA CRISTIÁ

**A nova vida en Cristo**

**12** [1]Rógovos, logo, irmáns, pola misericordia de Deus, que ofrezades os vosos corpos como sacrificio vivo, santo, grato a Deus: como o voso culto espiritual. [2]E non vos axustedes ao mundo presente. Transformádevos, máis ben, pola renovación da mente, para que poidades coñecer cal é a vontade de Deus: o bo, o que lle agrada, o perfecto.

[3]En virtude da graza que se me deu, dígovos, por tanto, a todos e a cada un de vós: que ninguén se teña por máis do que convén, senón que un se teña no que se debe ter, conforme á medida da fe que Deus lle deu a cadaquén.

**11**, 15 Versículo difícil. Pode ser simplemente: tan grande como volver da morte á vida. Pero pode aludir tamén á resurrección: a conversión dos xudeus viría así a ser o signo da chegada á plenitude da Historia da Salvación.

**11**, 16 *Primicias... raíz*: poden referirse ao "resto" que xa se converteu ou aos "patriarcas": ambos grupos garanten a salvación da totalidade de Israel. Tamén poden significar distributivamente: primicias = resto; raíz = patriarcas.

**11**, 26 Is **59**, 20-21; **27**, 9 Versículos unidos e acomodados. Mediante esta cita demostra Paulo a súa convicción firme e definitiva: a pesar da caída e do aparente fracaso, Israel hase salvar, "pois os dons e a chamada de Deus son irrevogables" (v. 29).

**12**, 1 *Sacrificio vivo*: é a propia vida, vivida na santidade e no amor –non un animal morto–, o que constitúe o auténtico sacrificio cristián. Resulta así un culto espiritual: non prendido no sacral do tempo e lugar determinado; e digno do home, pois guíase pola razón (Paulo di literalmente: "culto racional").

[4]Do mesmo xeito que nun só corpo temos
moitos membros, e non todos os membros
teñen a mesma función, [5]así nós, con sermos
moitos, somos un só corpo en Cristo; e indi-
vidualmente somos membros uns dos outros.
[6]Pero, ao termos dons diferentes, hanse exer-
cer conforme á graza que se nos concedeu: se
temos don de profecía, debe ser en harmonía
coa fe; [7]se de ministerio, no servizo; se de
ensinanza, no ensino; [8]se de consolación, no
conforto; se de dar esmola, con xenerosida-
de; o que preside, con solicitude; o que se
compadece, con alegría.

### Consellos para a vida cristiá

[9]Que o amor non sexa finxido: afastádevos
do mal e apegádevos ao ben: [10]sede cariñosos
uns cos outros, coma irmáns; competide na
estima mutua; [11]no traballo non teñades pre-
guiza; no espírito, afervoados; para o Señor,
coma escravos. [12]Alegres na esperanza, con
constancia no sufrimento, afincados na ora-
ción; [13]solidarios nas necesidades dos santos
e practicando a hospitalidade.

[14]Bendicide aos que vos perseguen, ben-
dicide e non maldigades. [15]Alegrádevos cos
que están alegres, chorade cos que choran.
[16]Tédevos na mesma estima uns a outros: non
vos deades aires de grandeza, senón acomo-
dádevos aos humildes. Non vos teñades por
moi sabidos.

[17]Non volvades mal por mal a ninguén: que
todo o mundo vexa que procurades o ben.
[18]No posible, en canto dependa de vós, man-
tede a paz con todos os homes. [19]Meus que-
ridos amigos, non tomedes por vós mesmos
a vinganza; deixade máis ben que actúe a ira
de Deus, pois está escrito: *miña é a vinganza,
eu darei o merecido*, di o Señor. [20]Pero *se o
teu inimigo ten fame, dálle de comer; se ten
sede, dálle de beber: obrando así, amoreas
brasas acesas enriba da súa cabeza*. [21]Non te
deixes vencer polo mal, senón vence o mal a
forza de ben.

### Hai que obedecer ás autoridades

**13** [1]Sométase toda persoa ás autoridades
constituídas. Pois non hai autoridade se-
nón por disposición de Deus; e as que existen,
instituúnas Deus. [2]De xeito que quen se opón
á autoridade oponse á disposición de Deus; e
os que se opoñen buscan o propio castigo.

[3]A autoridade non pon medo cando se obra
ben, senón cando se obra mal. Queres vivir
sen medo á autoridade? Fai o ben, e terás a
súa gabanza. [4]Pois ela é para ti servidora de
Deus para o ben. Mais se fas o mal, tenlle
medo, porque non en balde leva a espada:
ela é servidora de Deus, vingadora da súa ira
contra o que practica o mal.

[5]Así, cómpre obedecer non só por medo ao
castigo, senón por deber de conciencia. [6]Por
iso mesmo pagades os tributos, pois son fun-
cionarios de Deus, decote dedicados a este
oficio. [7]Dádelle a cada un o que lle é debido:
tributo, imposto, respecto ou honor, segundo
o caso.

### O amor fraterno

[8]A ninguén lle debades nada, fóra de amar-
vos uns a outros, xa que o que ama o próximo,
ten cumprida a Lei. [9]Porque o non adultera-
rás, non matarás, non roubarás, non cobizarás
e todos os outros mandamentos, resúmense
nestas palabras: amarás o teu próximo coma a
ti mesmo. [10]Quen ama o seu próximo non lle
fai mal. Verdadeiramente, o amor é o pleno
cumprimento da Lei.

**12**, 5 *Corpo en Cristo*: aquí Paulo insiste non en que somos membros de Cristo, senón en que, pola nosa unión en Cristo, estamos unidos uns a outros, formando unha unidade de amor e de servizo. A idea complétase noutros lugares (cf 1 Cor **6**, 12-20; **10**, 16-17; **12**, 12-31) e culmina nas Cartas da Catividade.

**12**, 6 *Profecía*: predicación carismática e inspirada, para edificación da comunidade: ás veces predí o futuro (Feit **11**, 27-28; **21**, 10-11), aínda que iso non é fundamental.

*En harmonía coa fe*: "en analoxía", "en proporción", pode referirse á fe carismática do "profeta" ou á fe obxectiva da comunidade.

**12**, 17 *Que todo o mundo vexa que procurades o ben:* lit. "Procurando o ben diante de todos os homes": é unha cita acomodada de Pr **3**, 4.

**12**, 19 Dt **32**, 35.

**12**, 20 Pr **25**, 21-22 *Amoreas brasas*: pode ser unha simple metáfora: "pólo rubio" (de vergonza, polo contraste entre a malicia da ofensa e o perdón). Pero tendo en conta que Paulo está citando o A. T., ben pode ter o seu sentido normal, aínda que subordinado ao contexto cristián; coma quen di: ti fai ben e despreocúpate da vinganza, diso xa se ocupará Deus no xuízo.

**13**, 1-2 Visión de principio sobre a autoridade. O cristián, coma todo cidadán normal, ten que se someter a ela: iso entra na orde normal do mundo querida por Deus. Opoñerse significaría opoñerse á realización do mundo, e, en consecuencia, a Deus. Non se trata dunha "sacralización" do poder, senón de sinalar a lexitimidade da súa función.

Paulo dá por suposto que a autoridade goberna con xustiza e serve ao interese do pobo (vv. 1-7). Outras pasaxes da Escritura (por ex., Ap **18**), saben da resistencia ao poder asoballante.

**13**, 9 Éx **20**, 13-17; Dt **5**, 17-21.

**13**, 10 Lev **19**, 18.

### Vixilancia e pureza

11 E con máis razón sabendo o tempo no
que vivimos: xa é hora de que espertedes
do sono, pois agora a salvación xa está mais
cerca de nós que cando empezamos a crer.
12 A noite vai andada, e o día está a chegar:
rexeitemos as obras das tebras e vistamos as
armas da luz. 13 Coma en pleno día camiñe-
mos decentemente, nada de lupandas nin bo-
rracheiras, nada de obscenidades nin liberti-
naxe, nada de liortas nin envexas. 14 En lugar
diso vestídevos do Señor Xesús Cristo, e non
lles fagades caso aos baixos apetitos.

### Non se pode xulgar os irmáns

**14** 1 A quen ten a fe débil, acollédeo sen
criticar opinións. 2 Hai quen cre poder
comer de todo, pero o feble non come máis
ca verduras. 3 O que come, non desprece ao
que non come; e o que non come, non con-
dene ao que come, pois tamén a este o acolle
Deus. 4 Quen es ti para xulgar o criado alleo?
Que siga en pé ou que caia, é cousa do seu
Señor. Pero seguro que seguirá en pé, porque
o Señor ten forza para o manter dereito. 5 Hai
quen dá máis importancia a un día que a ou-
tro; en troques, outro considera todos os días
igual. Que cadaquén obre por plena convic-
ción.

6 Quen garda un día gárdao para o Señor;
quen come de todo faino polo Señor e dá-
lle grazas a Deus; e quen non come tamén
o fai polo Señor e, a proba é que tamén lle
dá grazas a Deus. 7 Ningún de nós vive para
si, e ningún de nós morre para si. 8 Se vivi-
mos, para o Señor vivimos; e, se morremos,
para o Señor morremos; así que, vivamos ou
morramos, somos do Señor. 9 Por iso mesmo
morreu e resucitou Cristo: para ser dono dos
mortos e dos vivos.

10 E ti, por que xulgas a teu irmán? E ti, por
que desprezas a teu irmán? Se todos temos
que comparecer diante do tribunal de Deus!
11 Porque está escrito:

*Pola miña vida, di o Señor:*
*todo xeonllo se dobrará diante de min,*
*e toda lingua ha de confesar a Deus.*

### Evitar o escándalo dos irmáns

12 Por tanto cada un de nós dará conta de si
a Deus. 13 Non nos xulguemos uns a outros,
máis ben coidade de non lle pór ao irmán nin
tropezo nin escándalo.

14 Sei e estou seguro no Señor Xesús que
non hai cousa impura de seu. As cousas son
impuras para quen as ten por impuras. 15 Polo
tanto, se por causa de comeres unha determi-
nada comida se entristece teu irmán, xa non
te portas con caridade. Que por culpa da túa
comida non pereza alguén por quen Cristo
morreu. 16 Que o que é ben para vós non sexa
ocasión de maledicencia. 17 Pois o Reino de
Deus non é comida nin bebida, senón xus-
tiza, paz e alegría no Espírito Santo. 18 Quen
nisto serve a Cristo é agradable a Deus e con-
siderado polos homes.

19 Procuremos, logo, aquilo que leva á paz
e á mutua edificación. 20 Por unha cuestión de
comida non destrúas a obra de Deus. Todo é
certamente puro, pero está mal comer cau-
sando escándalo a outros. 21 É mellor non
comer carne nin beber viño nin nada, se iso
fai tropezar a teu irmán. 22 A convicción que
ti tes, gárdaa para ti diante de Deus. Benia
quen toma a súa decisión sen complexos de
culpabilidade! 23 Pero o que ten dúbidas, con-
dénase se come, porque non o fai con boa
conciencia, e todo canto non se fai con boa
conciencia é pecado.

### Facerlles ben aos demais

**15** 1 Nós, os que estamos seguros, temos
que aturar as feblezas dos inseguros,
e non compracernos a nós mesmos. 2 Cada

**13**, 11 *Tempo*: etapa na historia da salvación. O contexto implica que Paulo considéraa como a derradeira e decisiva. En Cristo todo está xa realizado: o cristián ten que aproveitar o tempo, deixar atrás a esfera do pecado e estar preparado para a responsabilidade definitiva. (Pouco importa se, como parece, Paulo pensaba que o xuízo final era xa inminente, e que as exposicións pertenzan á común linguaxe apocalíptica: o fundamental é a presenza definitiva da salvación e a súa urxencia).

**14**, 1-**15**, 13 Paulo trata aquí de cuestións morais que hoxe non nos parecen moi relevantes, pero daquela dividían á comunidade. Trátase sobre todo de certos alimentos e días festivos. Algúns cristiáns timoratos, influídos por certos ambientes gregos (pitagóricos) e xudeus (esenios, círculos próximos aos discípulos do Bautista), non se atrevían a comer carne nin a beber viño **(2,** 21), e gardaban certos días (v. 5).

Paulo non comparte esta actitude (v. 14) pero respéctaa, e pídelles aos demais cristiáns que a respecten. Predica a liberdade de conciencia (vv. 5-6); pero esíxelle que se rexa polo amor aos demais (**14**, 19-21; **15**, 1-13), pola fe (vv. 22. 23), polo exemplo de Cristo (**9**, 15; **15**, 3. 7-8) e pola autenticidade (v. 23). Os motivos son circunstanciais, pero as normas teñen validez permanente.

**14**, 11 Is **45**, 23s.

**14**, 22 *A convicción*: lit. "a fe"; é dicir, o teu modo de entender a fe: a túa convicción de fe, en canto libre e discutible.

**14**, 23 *Con boa conciencia*: lit. "desde a fe", é dicir, non obra a partir da súa convicción ante Deus. Magnífica expresión auténtica da liberdade cristiá: soberana pero sincera.

**15**, 2 *Edificación*: o crecemento na vida desde a fe. Pode referirse á edificación individual, pero é mais probable que se refira á da comunidade (que é o sentido máis frecuente en Paulo).

un de nós compraza ao seu próximo para o ben, con miras á edificación. [3]Pois tampouco Cristo non se compraceu a si mesmo; ao contrario, como está escrito: *as aldraxes dos que te aldraxaban a ti caeron enriba de min*. [4]Ora, todo canto antigamente se escribiu, escribiuse para a nosa instrución: para que entre a nosa paciencia e o consolo que dan as Escrituras, manteñamos a esperanza.

[5]Que o Deus da paciencia e do consolo vos faga ter un mesmo sentir entre vós, conforme o exemplo de Cristo Xesús. [6]Para que cun só corazón e unha soa boca loedes a Deus, Pai do noso Señor Xesús Cristo.

[7]Por iso, acollédevos uns a outros, como tamén Cristo vos acolleu, para gloria de Deus. [8]Pois dígovos que Cristo se fixo servidor dos xudeus en razón da fidelidade de Deus, para lles mostrar a firmeza das promesas feitas aos patriarcas; [9]e tamén para que os xentís, pola súa parte, glorifiquen a Deus en razón da súa misericordia. Tal como está escrito:

*Por iso loareite por medio das nacións e cantarei himnos ao teu nome.*

[10]E de novo di:

*Alegrádevos, nacións, xuntamente co seu pobo.*

[11]E noutro lugar:

*Loade ao Señor todas as nacións,*
*e celébreno todos os pobos.*

[12]E tamén di Isaías:

*Abrollará a raíz de Iexé,*
*e xurdirá o que vai dominar as nacións,*
*e nel poñerán a esperanza os xentís.*

[13]Que o Deus da esperanza vos encha de alegría e de paz na vosa fe, para que rebordedes na esperanza pola forza do Espírito Santo.

## EPÍLOGO

### Ministerio apostólico de Paulo

[14]Eu sei moi ben, meus irmáns, que tamén vós estades cheos de bondade, ateigados de toda sabedoría, e capacitados para vos aconsellar uns a outros. [15]Con todo, escribinvos –cun chisco de atrevemento– para avivar as vosas lembranzas. Fíxeno en virtude da graza que me deu Deus, [16]para ser eu ministro de Cristo Xesús en favor dos xentís, exercendo de sacerdote en servizo do Evanxeo de Deus, a fin de que a ofrenda dos xentís sexa agradable, xa que a santificou o Espírito Santo.

[17]Por tanto, no tocante ao servizo de Deus, os meus motivos de orgullo están en Cristo Xesús. [18]Pois non me atrevería a falar de nada, fóra do que Cristo, para conseguir a obediencia dos xentís, fixo por min de palabra e de obra, [19]a forza de milagres e prodixios e polo poder do Espírito. De maneira que desde Xerusalén e arredores ata o Ilírico, completei a predicación do Evanxeo de Cristo. [20]De tal xeito que tiven a honra de evanxelizar onde nunca se falou de Cristo, para non edificar enriba de alicerces alleos; [21]senón como está escrito:

*Verano aqueles*
*aos que aínda non se lles falara del,*
*e comprenderán aqueles que nunca oíran.*

### Proxecto de viaxe a Hispania pasando por Roma

[22]Foi isto mesmo o que decote me impedira ir onda vós. [23]Mais agora, ao non me quedar xa lugar nestas rexións e, como hai moitos anos que estou con ganas de ir ata

**15**, 3 Sal **69**, 10 O salmo referíase ás queixas do xusto, que tivo que soportar aldraxes pola causa de Iavé.
**15**, 8-9 *Dos xudeus*: lit. "da circuncisión". O razoamento vén ser o seguinte: Xesús "serviu" persoalmente aos xudeus, para demostrar a fidelidade de Deus ás súas promesas; pero "acolleu" aos pagáns, para mostrar a súa misericordia, facendo así que estes loen a Deus. (Isto último Paulo demóstrao coas citas da Escritura dos vv. seguintes).
**15**, 9 Sal **18**, 50.
**15**, 10 Dt **32**, 43, segundo os LXX.
**15**, 11 Sal **117**, 1.
**15**, 12 Is **11**, 10, segundo os LXX.
**15**, 14-33: Esta parte é unidade independente: con **1**, 1-15 forma propiamente a "Carta enviada aos Romanos". Todo o resto (**1**, 16-**15**, 13) ten o carácter dunha "Carta circular" sobre o problema da xustificación pola fe, dirixida ás diversas comunidades paulinas, e tamén á comunidade romana.
**15**, 14 *Tamén*: "case por demais atrevido" ou "demasiado atrevido nalgún punto". A sensación de atrevemento nace en que Paulo non foi o fundador da igrexa romana. Ben mirado, non tería dereito a facelo; pero atrévese pola "graza que se lle deu", é dicir, por saberse el o "ministro dos xentís" (vv. 15-16).
**15**, 16 Paulo usa intencionadamente termos litúrxicos, para indicar que toda a vida cristiá, principalmente o apostolado, é un auténtico culto a Deus.
**15**, 19 *...e arredores*, ou tamén "en todas as direccións", "dando a volta ata...". *Xerusalén* e *o Ilírico* (costa occidental da Península dos Balcáns), sinalan os dous puntos extremos do apostolado de Paulo en Oriente.
**15**, 21 Is **52**, 15, segundo os LXX.
**15**, 23 Non porque xa convertese a todos, senón porque el consideraba que a súa misión era poñer os alicerces para que outros acabasen a construción.

onda vós, [24]cando vaia a Hispania espérovos ver de paso e que vós me facilitedes a viaxe; aínda que primeiro quero gozar un pouco convosco.

[25]Arestora vou ir a Xerusalén para facer un servizo aos irmáns, [26]pois Macedonia e Acaia quixeron facer unha colecta a prol dos pobres que hai entre os crentes de Xerusalén. [27]Así o quixeron, e con razón, posto que están en débeda con eles. Porque, se os xentís tiveron parte nos seus bens espirituais, deben tamén á súa vez partillar con eles os materiais.

[28]Rematado este asunto e entregada oficialmente esa colecta, viaxarei para Hispania, pasando por aí. [29]Sei que indo por onda vós irei coa plena bendición de Cristo.

[30]E agora pídovos, irmáns, polo noso Señor Xesús Cristo e polo amor que inspira o Espírito, que loitedes comigo, dirixindo as vosas oracións a Deus por min; [31]para que me vexa ceibo dos incrédulos de Xudea e que os irmáns acollan ben este meu servizo en Xerusalén.

[32]Desa maneira poderei ir ledo onda vós e, se Deus quere, repousarei convosco. [33]Que o Deus da paz vos acompañe a todos. Amén.

**Recomendación e saúdos**

**16** [1]Recoméndovos a Febe, nosa irmá, que é diaconisa da Igrexa de Céncreas. [2]Acollédea como cristiáns dun xeito digno dos crentes e axudádea en todo canto lle cumpra, pois tamén ela axudou a moitos, empezando por min.

[3]Dádelles saúdos a Prisca e Áquila, os meus colaboradores na obra de Cristo Xesús. [4]Todos eles estaban dispostos a pór o pescozo pola miña vida e a todos lles estou moi agradecido, non só eu, senón todas as igrexas dos xentís. [5]Saúdos á igrexa que se xunta na casa del. Saúdos a Epéneto, o meu amigo, que é a primicia da Igrexa de Asia para Cristo. [6]Saúdos para María, que tanto se molestou por vós. [7]Saúdos para Andrónico e Xunias, os meus parentes e compañeiros de cárcere. Eles son insignes entre os apóstolos e creron en Cristo antes ca min.

[8]Saúdos para Ampliato, o meu querido no Señor. [9]Saúdos para Urbano, colaborador meu na obra de Cristo, e para o meu querido Eustaquio. [10]Saúdos para Apeles, xenuíno discípulo en Cristo. Saúdos para todos os da casa de Aristóbulo.

[11]Dádelle saúdos ao meu parente Herodión. Saúdos para os de Narciso, que se conservan fieis ao Señor. [12]Saúdos a Trifene e Trifosa, que traballan polo Señor. Saúdos á querida Pérside, que tanto traballou polo Señor. [13]Saúdos a Rufo, escolleito do Señor, e a súa nai, que tamén o é miña.

[14]Saúdos para Asíncrito, para Flegonte, para Hermes, para Patrobas, para Hermas e para os irmáns que viven con eles. [15]Saúdos tamén a Filólogo, a Xulia, Nereo e a súa irmá, e a Olimpio e a todos os santos que están con eles.

[16]Saudádevos uns a outros co ósculo litúrxico. Mándanvos saúdos todas as igrexas de Cristo.

[17]Rógovos, irmáns, que vos gardedes dos que son causa de divisións e de escándalo en contra da doutrina que aprendestes e arredade deles. [18]Todos eses non serven a Cristo

**15**, 24 Chegou Paulo, de feito, a Hispania? Testemuños antigos din que si: San Cremenzo de Roma e o Fragmento de Muratori. Pero os datos non son seguros. Deixamos na tradución Hispania, non "España". A Hispania do tempo de Paulo non inclúe as Canarias, pero inclúe o actual Portugal e Marrocos.

**15**, 25 *Irmáns*: lit. "santos". Paulo leva persoalmente a colecta, pois atribúelle gran importancia: non só como obra de xustiza (v. 27), senón como mostra e fomento da solidariedade entre a Igrexa nai de Xerusalén e as igrexas conversas.

**15**, 28 *Entregada oficialmente*: lit. "unha vez selado este froito", metáfora tomada da vida rural de entón: os froitos que entregaba o caseiro eran selados coa súa marca, para constancia.

**15**, 30-31 Vese que Paulo ten aínda os seus temores: hai inimigos declarados da súa actitude e teme algúns receos por parte dos apóstolos.

**15**, 33 Bendición final. Recórdese (cf Introd.) que para moitos críticos a carta finaliza aquí. O resto pertencería a outra carta mandada por Paulo á Igrexa de Éfeso.

**16**, 1-23 Esta unidade é unha carta de recomendación da diaconisa Febe, para que sexa ben acollida no contorno da Igrexa de Éfeso. A grande cantidade de saúdos que Paulo dedica, é tamén un xeito de orientar a Febe, para que saiba a quen dirixirse con seguridade.

**16**, 1 *Febe*, a portadora da carta; descoñecida. *Diaconisa*: pode ser un título xenérico (= servidora), e pode ser xa un oficio especial na comunidade (= as "diaconisas", que aparecen a partir do s. II). *Céncreas*: lugar, un dos portos de Corinto.

**16**, 5 *A primicia*: é dicir, o primeiro converso.

**16**, 7 *Xunias*: pode ser nome de muller (de feito algúns ms. len: Xulia). Este dato reviste importancia, pois Paulo dálles o "título" de "insignes entre os apóstolos", é dicir, con toda probabilidade: apóstolos insignes (non: "estimados por aqueles que son apóstolos").

**16**, 16 *Ósculo litúrxico*: lit. "bico santo", que de seu pode ser tamén unha adaptación epistolar do saúdo corrente entre os rabinos.

**16**, 17-20 Amoestación xota, abondo distinta no estilo do resto da carta. Parece referirse a predicadores xudaizantes (cf Gál **5**, 7-12; **6**, 12-17; Flp **3**, 18-19).

noso Señor, senón ao seu propio ventre, e con palabras amorosas e adozadas extravían os corazóns dos inocentes.

[19]A sona da vosa fe chegou a todas partes. Alégrome ben por vós. Pero quero que sexades listos para o ben e inocentes para o mal. [20]O Deus da paz esmagará a Satanás ben axiña debaixo dos vosos pés. A graza do noso Señor Xesús vos acompañe.

[21]Mándanvos saúdos Timoteo, o meu axudante, e Lucio e Iasón e Sosípatro, os meus parentes. [22]Saúdovos no Señor, eu, Tercio, que pasei a limpo esta carta. [23]Mándavos saúdos Gaio, hospedeiro meu e de toda a igrexa. [24]Saúdavos Erasto, o tesoureiro da cidade e mais o noso irmán Cuarto.

**Doxoloxía**

[25]A aquel que é potente para vos afiuzar no meu Evanxeo e no anuncio de Xesús Cristo, conforme á revelación do misterio escondido durante tempos eternos, [26]pero manifestado agora polas Escrituras proféticas, e por disposición do Deus eterno dado a coñecer a todas as nacións para as levar á obediencia da fe, [27]a Deus, o único sabio, por medio de Xesús Cristo, sexa a gloria para sempre. Amén.

**16**, 19 *Fe*: lit. obediencia. Recórdese a expresión, tan paulina, "obediencia da fe" (cf **1**, 5 e máis adiante v. 26).
**16**, 24 Este v. falta nos manuscritos mais importantes; cando aparece nalgúns manuscritos, é unha repetición do v. 20b: "a graza do Noso Señor Xesús vos acompañe".
**16**, 25-27 Doxoloxía diversamente colocada na epístola segundo os diversos manuscritos (por ex., ao final dos cc. **14** ou **15**), e de autenticidade discutida.
*Meu Evanxeo*: a doutrina cristiá, como Paulo a comprende e anuncia.
*Anuncio* ("kérygma") de Xesús Cristo: a predicación acerca de Xesús Cristo. Pode interpretarse todo conxuntamente (hendíade): "o meu Evanxeo, que consiste no anuncio de Xesús Cristo".
*Misterio*: plan divino de salvación, que se desenvolve na historia e abarca tanto aos xudeus (é o que admitían todos) coma aos pagáns (achega específica de Paulo).

# INTRODUCIÓN Á PRIMEIRA CARTA AOS CORINTIOS

## 1. A cidade de Corinto

*Corinto, fundada no século IX antes de Cristo, foi unha cidade de longa e accidentada historia. Grazas á súa favorable situación no istmo que une a Grecia actual co continente tiña un enorme pulo comercial. Nada menos que seiscentos mil habitantes formaban o seu censo. Nas rúas desta cidade cosmopolita mesturábanse romanos retirados do exército, gregos, xudeus, orientais... Sobre a situación social chega con citar un dato: as dúas terceiras partes da súa poboación eran escravos. Ese dato é interesante, pero seguramente noutras cidades ás que tamén escribe Paulo, a proporción de escravos non era moi distinta.*

*O tráfico de toda clase e o desfile continuo de forasteiros creaban un ambiente que se fixo proverbial pola licenza dos seus costumes: falábase de "vivir á corintia" ou de "moza corintia". A relixión pagá non axudaba moito: a deusa da cidade era Afrodita Pándemos, que tiña ao servizo do seu templo máis de mil prostitutas sagradas.*

## 2. Destinatarios e data

*A esta cidade chegou Paulo na súa segunda viaxe, despois do seu fracaso en Atenas. Desanimado e sen diñeiro, ponse a traballar como tecedor de lona, cun matrimonio de xudeus-cristiáns, Prisca e Áquila, deportados de Roma. A visita de Silas e Timoteo tráelle diñeiro e ánimos: pode dedicarse plenamente á predicación.*

*Coma sempre, fracasa cos xudeus; pero escóitano ben os pagáns, sobre todo nas capas máis baixas da poboación. Cando saia de alí, despois de dezaoito meses (fins do 50 a mediados do 52), deixa formada unha comunidade florecente e chea de vida, mesmo de tensións, como se verá.*

*Ausente Paulo, chegaron novos predicadores: Apolo, Pedro?, e xudeus conversos. Orixínanse bandos e discusións; xorden abusos, e a comunidade é un fervedoiro. Esas son as noticias que lle chegan a Paulo durante a súa estancia en Éfeso na terceira viaxe. Escríbelles entón unha primeira carta (**5**, 9) que se perdeu (a chamada precanónica). Nela dálles normas para o trato cos cristiáns inmorais (**5**, 9-13).*

*Máis tarde chegaranlle consultas dos mesmos corintios sobre diversas cuestións; ao mesmo tempo ou algo despois seguen as noticias dos abusos e problemas na comunidade. Paulo decídese a escribir: reprenderá enerxicamente os abusos (primeira parte da carta) e responderá ás cuestións (segunda parte). É a I Carta aos Corintios, un dos primeiros e máis importantes escritos do cristianismo, bastante anterior aos Evanxeos. Escrita probablemente na primavera do 57, da súa autenticidade ninguén dubida hoxe.*

## 3. Contido

*Esta carta mostra con todo realismo como era por dentro unha comunidade cristiá. Corinto é, de feito, con moito, a mellor coñecida entre todas as igrexas primitivas.*

*Ao mesmo tempo, a xenialidade do Apóstolo permítelle ir moito máis alá das circunstancias particulares e dá normas perennes para a vida cristiá en xeral. Aínda que non se pode esperar un tratamento sistemático da doutrina evanxélica, moitas das cuestións fundamentais quedan aquí viva e maxistralmente tratadas para sempre. Aborda temas de carácter xeral: o da liberdade cristiá, tan lonxe do escrúpulo e da pusilanimidade coma da libertinaxe ou do desprezo aos demais, posto que ten como medida o amor e mais o servizo; o da unidade, superadora de partidismos e bandeiras, por basearse na unión vital con Cristo, con quen todos formamos un "corpo" (**12**, 12-31).*

*Toca ademais cuestións máis concretas, pero de vital importancia: matrimonio-virxindade, Eucaristía, carismas (coa primacía absoluta do amor: **13**, 1-13, o famoso canto da caridade), e resurrección. Nas cuestións máis prácticas, como a regulación externa das asembleas litúrxicas, Paulo móstrase máis condicionado polo seu tempo. Ás veces de máis, para a nosa perspectiva actual: tal o caso da actitude e actividade das mulleres durante o culto; pero el mesmo é consciente disto e distingue coidadosamente entre o que constitúe mandato do Señor e consello persoal seu (7, 10.12).*

*Contén a primeira narración da institución e do sentido da Eucaristía: **11**, 17-34. Tendo en conta o encadro xeral, este escrito é accesible por si mesmo grazas á súa linguaxe viva e concreta.*

**4. Estrutura literaria**

4.1. *Saúdo e acción de grazas:* ***1****, 1-9.*

4.2. *Divisións na comunidade:* ***1****, 10-****4****, 21.*

4.3. *Tres graves desordes na comunidade:*

*–o caso dun incesto:* ***5****, 1-13,*

*–as denuncias ante os tribunais pagáns:* ***6****, 1-11,*

*–a fornicación:* ***6****, 12-20.*

4.4. *Resposta ás preguntas:*

*–matrimonio e virxindade: c.* ***7****,*

*–o problema das carnes sacrificadas aos ídolos:* ***8****, 1-****11****, 1.*

4.5. *Organización das asembleas litúrxicas:* ***11****, 2-****14****, 40,*

*–divisións ao celebrar a Cea do Señor*,

*–divisións por presumir de carismas*,

*–indicacións para as asembleas*.

4.6. *A comprensión da resurrección dos mortos: c.* ***15****.*

4.7. *Despedida: proxectos, recomendacións e saúdos: c.* ***16****.*

# PRIMEIRA CARTA AOS CORINTIOS

**Saúdo e acción de grazas**

**1** [1]Paulo, chamado a ser apóstolo de Cristo Xesús pola vontade de Deus, así como o irmán Sóstenes, [2]á Igrexa de Deus que está en Corinto, aos que están santificados en Cristo Xesús, chamados a ser santos cos que en calquera lugar invocan o nome do noso Señor Xesús Cristo, Señor deles e noso, [3]desexámosvos graza e paz de parte de Deus, noso Pai, e do Señor Xesús Cristo.

[4]Non paro de lle dar grazas a Deus por vós, pola graza de Deus que se vos deu por medio de Cristo Xesús. [5]Porque por medio del quedastes ricos en todo, nos dons da palabra e do coñecemento: [6]e así confirmouse solidamente entre vós o testemuño en favor de Cristo, [7]de xeito que non carecedes de ningún don, mentres agardades a revelación do noso Señor Xesús Cristo. [8]El é quen vos manterá firmes deica á fin, para que ninguén vos poida acusar de nada no día do noso Señor Xesús Cristo. [9]Deus é fiel e foi El quen vos chamou á comunidade do seu fillo Xesús Cristo, noso Señor.

## CORRECCIÓNS POLA DIVISIÓN NA COMUNIDADE

**Partidos na Igrexa de Corinto**

[10]Irmáns, polo nome do noso Señor Xesús Cristo, rógovos que vos poñades todos de acordo e que non haxa divisións entre vós: ao contrario, concordade todos nun mesmo espírito e nun mesmo pensamento.

[11]Pois, irmáns, polos de Cloe cheguei a saber que hai discordias entre vós. [12]Refírome a que cada un de vós anda a dicir: "Eu son de Paulo, eu de Apolo, eu de Cefas, eu de Cristo". [13]Pero é que Cristo está dividido? E logo foi Paulo crucificado por vós? Ou é Paulo o nome no que vos bautizaron?

[14]Dou grazas a Deus de non ter eu bautizado a ningún de vós fóra de Crispo e de Caio: [15]así ninguén poderá dicir que vos bautizaron no meu nome. [16](Ai, si, tamén bauticei a familia do Estevo; pero do resto, que eu acorde non bauticei ninguén). [17]Porque non me mandou Cristo a bautizar, senón a predicar o Evanxeo; e isto sen habilidades retóricas, para que non quede desvirtuada a eficacia da cruz de Cristo.

**A sabedoría do mundo e a sabedoría de Deus**

[18]Porque a palabra da cruz é loucura para os que se perden, pero para nós, os que nos salvamos, é poder de Deus. [19]Pois está escrito:

*Desmontarei a sabedoría dos sabios*
*e derrubarei a intelixencia dos intelixentes*.

[20]Onde está o sabio?, onde o letrado?, onde está o investigador conforme os criterios deste mundo?

É que non mostrou Deus que a sabedoría do mundo é unha parvada? [21]Mirade: Xa que o mundo, na sabia determinación de Deus, non coñeceu a Deus polo camiño da sabedoría, quixo Deus salvar o mundo pola necidade da predicación. [22]Pois os xudeus piden signos e os gregos buscan a sabedoría; [23]pero nós

**1**, 7 *Don*: lit. "carisma": graza especial, pero non no preciso sentido actual (cf **12**, 4).
**1**, 8 Este día, ao que tamén se refire o verso anterior, é o "Día de Iavé" anunciado polos profetas, que Cristo inaugura coa súa vinda e que se cumprirá plenamente na Parusía, no Xuízo Final.
**1**, 9 Escribimos –igual ca os idiomas europeos máis coñecidos, agás o castelán– Xesús Cristo; tamén se podería escribir Xesús o Cristo. Porque en san Paulo, coma nos Sinópticos e nos Feitos dos Apóstolos, Xesús é o nome propio, e Cristo ten o significado orixinal de Mesías: vén dicir Xesús o Mesías.
**1**, 10 Empeza aquí a "Primeira parte" da carta. Nela Paulo trata de corrixir abusos que –de acordo coas noticias que lle ían chegando– abundaban na Igrexa de Corinto.
**1**, 11 Os de *Cloe*: Unha familia cristiá descoñecida, seguramente comerciantes ou industriais, que nas súas viaxes teñen contacto con Paulo.
**1**, 12 *Apolo*, discípulo de quen se fala en Feit **18**, 24-28. *Cefas* é, como se sabe, Pedro. En realidade o xefe dos apóstolos chamábase Simón; pero Cristo cambioulle este nome polo de "Kefá" (Mt **16**, 18; Xn **1**, 42), palabra aramea, que significa "pedra"; e, con toda seguridade, no sentido forte de pedra "firme": rocha, penedo.
**1**, 19 Is **29**, 14.
**1**, 20 *Sabio*: o filósofo grego. *Letrado*: o sabio xudeu, o escriba.
**1**, 21 O significado parece o seguinte: a sabedoría dos homes –"filosofía dos gregos" e "Lei" dos xudeus– non soubo descubrir a sabedoría de Deus manifestada na creación (cf Rm **1**, 20).
*Predicación*: a palabra orixinal é "kerigma": anuncio, pregón, proclamación pública da Boa Nova, do Evanxeo da Salvación.
**1**, 22 *Signos*: no sentido de sinais prodixiosos, milagres aparatosos (cf Mt **12**, 28). Noutros lugares, principalmente no evanxeo de Xoán, ten un significado máis rico: milagre que é imaxe ou prefiguración das realidades do reino.

predicamos un mesías crucificado: e isto para os xudeus é un escándalo e para os pagáns é unha loucura; [24]pero para os chamados, tanto xudeus coma gregos, é Cristo, marabilla do poder e da sabedoría de Deus. [25]Porque a loucura de Deus é máis sabia ca toda a sabedoría dos homes, e a debilidade de Deus é máis forte ca toda a fortaleza dos homes.

[26]E senón, irmáns, reparade en quen sodes os chamados: entre vós, mirando as cousas con criterios deste mundo, non hai moitos sabios, nin moitos poderosos, nin moitos da nobreza: [27]ao contrario, o que hai de parvo no mundo, iso foi escoller Deus para desconcertar os sabios; e o que hai de débil no mundo, iso foi escoller Deus para desconcertar o poder: [28]o plebeo e mais o desprezado, iso foi escoller Deus: o que non é, para anular o que é, [29]de xeito que ningún mortal poida campar diante de Deus. [30]Por El é por quen existides vós en Cristo Xesús, quen se fixo para nós a sabedoría e mais a xustiza, a santificación e mais a redención que veñen de Deus. [31]E así, como está escrito, *o que presuma, que presuma no Señor*.

### A predicación de Paulo

**2** [1]En canto a min, irmáns, cando cheguei onda vós non cheguei exhibindo elocuencia nin saber para anunciarvos o misterio de Deus. [2]Nada pretendín saber entre vós, fóra de Xesús Cristo e Cristo crucificado. [3]E eu presenteime diante vosa cunha sensación de impotencia e tremendo de medo; [4]e a miña palabra e mais a miña predicación non se sustentaban en argumentos persuasivos e sabios, senón que constituían unha demostración do poder do Espírito: [5]todo para que a vosa fe non se sosteña na sabedoría dos homes, senón no poder de Deus.

### A sabedoría cristiá

[6]E, mesmo así, o que predicamos entre os perfectos é sabedoría, pero non sabedoría deste mundo nin dos xefes perecedoiros deste mundo. [7]Nós predicamos unha sabedoría de Deus, misteriosa, que permanecía gardada, que Deus tiña predestinada desde antes dos séculos para a nosa gloria. [8]Ningún dos príncipes deste mundo a coñeceu; pois se a coñecesen, non crucificaban o Señor da Gloria. [9]Pero como está escrito:

*O que o ollo non viu,*
*o que o oído non sentiu,*
*e o que non pasou pola mente do home:*
*iso preparou Deus para os que o aman*.

[10]E a nós revelóunolo Deus polo Espírito, pois o Espírito esculca todo, mesmo as profundidades de Deus, [11]porque quen de entre os homes coñece o que hai no home, se non é o espírito do home que está nel? Pois igual, o que hai en Deus ninguén o coñece, se non é o Espírito de Deus. [12]Agora ben, nós non recibimos o espírito do mundo, senón o espírito que procede de Deus, co fin de que coñezamos todo o que Deus nos outorgou pola súa graza. [13]E iso é o que tamén predicamos, non con palabras aprendidas de humana sabedoría, senón con palabras aprendidas do Espírito, explicando con verbas espirituais as realidades espirituais.

[14]O home "animal" non acolle o que é propio do espírito de Deus, pois parécelle unha parvada, nin o pode coñecer, porque disto só se pode xulgar espiritualmente. [15]Pola contra, o home "espiritual" xulga de todo, mentres que a el non o xulga ninguén. [16]Porque, quen coñeceu o pensamento do Señor como para se poñer a darlle leccións? Pero nós temos o sentir de Cristo.

### Inmaturidade dos corintios

**3** [1]E eu, irmáns, non puiden falarvos como a homes "espirituais", senón como a homes aínda "non espirituais", como a meniños en Cristo. [2]Alimenteivos con leite, non co alimento sólido, porque aínda non o podiades pasar. Claro que aínda agora non o pasa-

**1**, 23 *Mesías*: lit. "Cristo".
**1**, 24 *Cristo, marabilla do...*: lit. "Cristo, poder de Deus e sabedoría de Deus". A tradución intenta reflectir a forza enfática do contexto orixinal.
**1**, 26 Nesta pasaxe (vv. 17-26) Paulo alude, sen dúbida, ao seu fracaso cando predicou aos "sabios" de Atenas (cf Feit **17**, 16-34).
**1**, 31 Xer **9**, 22-23 (citado libremente); cf 2 Cor **10**, 17.
**2**, 1 *Misterio*: outros ms. len "testemuño".
**2**, 4 *Do poder do Espírito*: lit. "de Espírito e de poder".
**2**, 6 *Perfectos*: os cristiáns máis entregados e máis conscientes da súa fe. *Xefes...deste mundo*: autoridades humanas, ou, máis probablemente, os poderes do mal, os demoños que reinan no mundo. Ás veces poden equivalerse, cando os poderes terreais, superando os seus límites, esixen cousas contrarias ao Reino.
**2**, 9 Is **64**, 3 (cf **52**, 15): cita libre, non literal.
**2**, 13 Texto difícil. Tamén pode ser: "adaptando as cousas espirituais ás persoas espirituais".
**2**, 14 *Animal*: entre aspas, como logo "espiritual" e "carnal", para indicar que se toman en sentido algo especial, claramente perceptible no contexto (que procede por un xogo semántico de oposición).
**2**, 16 Is **40**, 13; cf Rm **11**, 34.
**3**, 1 *Non espirituais*: en grego "sárkinos" sen a connotación pexorativa de "sarkikós", que traducimos por "carnal" (v. 3).

des, [3]porque aínda sodes "carnais". Ou non é certo que sodes "carnais" e que vos portades dun xeito simplemente humano se entre vós hai rivalidade e discordia? [4]Mentres un diga: "Eu son de Paulo", e outro diga: "Eu son de Apolo", non sodes coma todos?

### O verdadeiro papel dos predicadores

[5]Pois, que é Apolo?, que é Paulo?: meros servidores por medio de quen aceptastes a fe; e cada un obrou conforme o que o Señor lle deu. [6]Eu plantei, Apolo regou, pero foi Deus quen vos deu o medro, [7]de maneira que nin o que planta nin o que rega son ninguén, senón Deus, que é quen fai medrar. [8]Quen planta e rega veñen facer o mesmo, pero cadaquén levará a súa paga conforme o seu traballo. [9]Porque nós somos xornaleiros de Deus, e vós sodes o agro de Deus, edificio de Deus.

[10]Na medida da graza que Deus deu, coma un bo arquitecto, eu botei os alicerces e outro edificou enriba. Que cadaquén olle como edifica, [11]pois ninguén pode poñer unha cimentación distinta da que está posta, que é Xesús Cristo. [12]E sobre esta cimentación xa se pode edificar con ouro, con prata e con pedras preciosas ou con madeira, con feo e con palla, [13]e a obra que cadaquén faga ha quedar ben á vista, porque o día fará que se vexa. Pois ese día hase revelar con lume, e o lume probará a calidade da obra de cadaquén. [14]A obra que se lle aguante a quen a edificou recibirá recompensa; [15]pero a quen lle quede ardida, quedará sen paga: el persoalmente hase salvar, pero só coma quen dá fuxido do lume.

[16]Non sabedes que sodes templo de Deus e que o espírito de Deus habita en vós? [17]Se alguén destrúe o templo de Deus, Deus destruirao a el: porque o templo de Deus é sagrado, e iso sodes vós.

### Consecuencias

[18]Que ninguén se engane. Se entre vós hai algún que se crea sabio ao xeito deste mundo, decátese de que é parvo para volverse sabio de verdade. [19]Porque a sabedoría deste mundo é parvada diante de Deus, pois está escrito:

*El pilla os listos na súa propia astucia,*
[20]e tamén:
*O Señor coñece os pensamentos dos sabios*
*e sabe que son vans.*

[21]Así que ninguén se glorie pola súa condición humana, porque todo é voso certamente: [22]tanto Paulo coma Apolo coma Cefas, tanto o mundo coma a vida e coma a morte, tanto o presente coma o futuro: todo é voso; [23]pero vós sodes de Cristo e Cristo é de Deus.

### Os ministros de Cristo

**4** [1]Por tanto, que a xente vexa en nós uns servidores de Cristo e administradores dos misterios de Deus. [2]Ora ben, o que se lles pide aos administradores é que sexan de fiar. [3]Por min impórtame moi pouco que me pidades contas vós ou un tribunal humano; nin tan sequera eu me xulgo a min mesmo. [4]Certo que de nada me remorde a conciencia, pero non por iso estou xa xustificado: quen me pide contas é o Señor. [5]Polo tanto, non xulguedes antes de tempo: agardade a que chegue o Señor. Xa se encargará El de sacar á luz os segredos das tebras e de descubrir os motivos dos corazóns. Entón quen o mereza recibirá do Señor o seu eloxio.

[6]En todo isto, irmáns, púxenme de exemplo eu e puxen a Apolo por causa vosa, para que nas nosas persoas aprendades aquilo de que *non hai que ir máis alá do que está escrito*, e non vos fagades fanáticos dun en contra do outro. [7]Porque, quen te fai máis distinguido? Que tes ti que non o recibises? E se o recibiches, a que vén gabarse como se non o recibises? [8]Xa estades fartos, xa estades ricos: sen nós estades feitos uns reis! Quen me dera que fose certo! Así podiamos nós reinar convosco.

[9]Paréceme a min que a nós, aos apóstolos, púxonos Deus no derradeiro lugar, coma os condenados á morte, de xeito que resultamos ser un espectáculo para o mundo: tanto para os anxos coma para os homes. [10]Nós somos parvos por Cristo, vós que cristiáns máis asisados! Nós somos débiles, vós fortes; a vós hónranvos, a nós desprézannos. [11]Mesmo na hora presente pasamos fame e sede, e anda-

**3**, 13 *Día*: cf **1**, 8.
**3**, 15 Fuxir do lume: de seu é unha metáfora ou comparación: "dificilmente, polos pelos". Tradicionalmente atopouse aquí un fundamento para o dogma do Purgatorio.
**3**, 16 *Templo*: a verba grega indica a parte máis sacra do templo, o santuario. Esta verdade gaña así aínda máis importancia.
**3**, 19 Xob **5**, 13.
**3**, 20 Sal **94**, 11. 2.
**3**, 23 Marabillosa expresión da unidade da creación: todo unido no ser humano, e polo ser humano en Cristo e por Cristo en Deus. Cf **15**, 23-28.
**4**, 6 A frase en cursiva, de interpretación escura, parece ser unha expresión proverbial, un refrán da época.
**4**, 8 *Feitos uns reis*: expresa ben o sentido irónico da frase. Pero en Paulo, "reis" pode ter unha alusión ao reino escatolóxico, como quen di "xa conseguistes o reino". De feito, unha tendencia en Corinto –os "entusiastas"– afirmaba que o cristián entrara xa no Reino Final.

mos esfarrapados; recibimos malos tratos e non temos acougo. [12]Matámonos a traballar coas nosas propias mans. Aldráxannos, e nós bendicimos; perséguennos e nós aturamos; [13]calúmniannos e nós falamos ben. Ata o presente vimos sendo algo así coma o refugallo do mundo, o lixo de todos.

[14]Non escribo isto para vos avergonzar: fágovos a reprensión como a fillos moi queridos. [15]Como cristiáns xa podedes ter milleiros de mestres, que pais non teredes moitos, pois fun eu quen por medio do Evanxeo vos xerei en Cristo Xesús. [16]Así que vos pido por favor que tratedes de me imitar a min. [17]Para iso vos mando aí a Timoteo, que é fillo meu moi querido e fiel no Señor. El havos facer o acordo dos meus principios cristiáns, que son os mesmos que decote ensino en todas as igrexas.

[18]Pensando que eu non ía ir onda vós, algúns enchéronse de soberbia. [19]Pero, se o Señor o quere, axiña chegarei aí e hei ter en conta non as palabras deses soberbios, senón a súa capacidade. [20]Porque o Reino de Deus non está no que se di, senón no que se é capaz de facer. [21]Que queredes?: que vaia onda vós cunha vara, ou con cariño e espírito de mansedume?

## ESCÁNDALOS NA COMUNIDADE

### O incestuoso

**5** [1]Non se oe falar doutra cousa que da indecencia que hai entre vós; e dunha indecencia tal, que nin entre os pagáns se viu cousa coma ela. Pois chega a darse o caso de que un vive coa muller de seu pai. [2]E vós tan fachendosos, en lugar de poñervos de loito, para que desapareza do medio de vós quen tal cousa fai!

[3]Pois eu, fisicamente ausente pero presente en espírito, xa tomei unha decisión sobre o que tal fixo, como se estivese aí: [4]que xuntándonos no nome do noso Señor Xesús –vós en persoa e eu en espírito–, co poder do noso Señor Xesús, [5]entreguemos a ese tal a Satanás: humanamente quedará esnaquizado, pero o seu "espírito" salvarase o Día do Señor.

[6]Non está ben a vosa fachenda. Non sabedes que un pouco de fermento leveda a masa toda? [7]Purificádevos do vello fermento, para serdes unha masa nova, coma pans ácimos que sodes. Pois o noso año pascual, Cristo, xa foi inmolado. [8]Fagamos, logo, a festa, pero non con fermento vello nin con fermento de malicia e perversidade, senón con pan ácimo de pureza e de verdade.

[9]Escribinvos na outra carta que non vos levarades cos indecentes; [10]pero non me refería aos indecentes deste mundo, así sen máis, nin aos avaros ou aos ladróns ou aos idólatras, porque dese xeito tiñades que saír do mundo. [11]O que entón vos escribía foi que non vos levarades con aquel que ostentando o nome de irmán, sexa indecente ou avaro, ou idólatra ou faltón, ou borracho ou ladrón. Cun home así, nin sentar a comer. [12]Por que vou xulgar eu os de fóra? Non son os de dentro a quen vós xulgades? [13]Os de fóra é Deus quen os xulga. Botádeme o perverso do medio de vós.

### Preitos dos cristiáns nos tribunais pagáns

**6** [1]Cando algún de vós ten un preito con outro, como é que se atreve a ilo demandar diante dos pagáns e non dos cristiáns? [2]Ou é que non sabedes que os cristiáns xulgarán o mundo? E, se vós ides xulgar o mundo, seredes incompetentes para xulgar unhas cousas de nada? [3]Non sabedes que xulgaremos os anxos? Canto máis as cousas desta vida! [4]Pois logo, como é posible que, cando tedes preitos por cousas desta vida, vaiades poñer de xuíces aqueles que a Igrexa desbota?

[5]Seica non tedes vergonza? Ou é que non hai entre vós ningún home bo que poida mediar entre seus irmáns? [6]Pero non, van ao preito irmán contra irmán, e iso diante dos non crentes. [7]Desde logo, xa bastante baixeza é que haxa preitos entre vós. Por que non

**4**, 17 *Timoteo*: cf Feit **16**, 1.
**5**, 5 A "pauliña" excomuñón, engádese un castigo inflixido polo demo: entrégase o pecador ás forzas do mal. Mais todo é, en definitiva, para a súa salvación.
**5**, 6-7 Alusión ao costume xudeu de tirar con todo o fermento que haxa na casa, para poder celebrar a Pascua. Cómese aínda hoxe pan sen levedar: os "ácimos".
**5**, 8 Belida descrición da vida cristiá. O cristián, renunciando ao pecado e entregándose a Cristo, e con Cristo ao Pai, como hostia pura e sincera, debe vivir nunha Pascua perenne.
**5**, 9 Na carta "precanónica" (cf Introdución), que desgraciadamente non se conserva.
**5**, 12 *Os de fóra*: os que non son cristiáns.
**5**, 13 Cf Dt **17**, 7; **19**, 19; **22**, 21. 24; **24**, 7.
**6**, 1 *Pagáns* (lit. inxustos): que non teñen a xustiza de Deus, a santidade. Especie de xogo de palabras: como lles van os inxustos administrar xustiza aos santos, é dicir, aos membros da comunidade e, polo tanto, xustos?
**6**, 3 Idea moi paulina: pola súa unión con Cristo, o cristián está por riba de todas as realidades extra-divinas: cósmicas ou persoais.

aguantades, máis ben, a inxustiza? Por que non vos deixades, máis ben, roubar? [8]Pero non, sodes vós os que facedes inxustiza e roubades aos outros, iso que son irmáns!

[9]Non sabedes que os inxustos non herdarán o Reino de Deus? Non vos levedes a engano: nin os indecentes, nin os idólatras, nin os adúlteros, nin os efeminados, nin os homosexuais, [10]nin os ladróns, nin os avaros, nin os borrachos, nin os faltóns nin os caciques herdarán o Reino de Deus. [11]E iso erades algúns de vós; pero xa vos lavastes, xa vos consagraron e xa quedastes xustificados no nome do Señor Xesús Cristo e no espírito do noso Deus.

**A pureza cristiá**

[12]"Todo me está permitido", pero non todo me presta; "todo me está permitido", pero eu non me deixarei dominar por nada.

[13]Os alimentos son para o ventre e o ventre para os alimentos; ademais o Señor destruirá unha cousa e mais a outra.

Pero o corpo non é para a fornicación, senón para o Señor; e o Señor é para o corpo. [14]E Deus, que resucitou xa a Cristo, tamén nos ha resucitar a nós polo seu poder.

[15]Non sabedes que os vosos corpos son membros de Cristo? E vou coller os membros de Cristo e convertelos en membros dunha prostituta? De ningunha maneira! [16]Ou non sabedes que quen se achegue á prostituta se fai un mesmo corpo con ela? Porque está dito: faranse os dous unha soa carne. [17]Pola contra, quen se xunta ao Señor, é un mesmo espírito con El. [18]Fuxide da fornicación! Calquera pecado que o home poida cometer cae fóra do corpo; pero quen fornica peca contra o seu propio corpo. [19]Ou non sabedes que o voso corpo é templo do Espírito Santo que está en vós, porque o recibistes de Deus e que polo tanto non sodes donos de vós? [20]Porque, en verdade, comprousevos a bo prezo. Glorificade, por tanto, a Deus co voso corpo!

## RESPOSTAS ÁS CONSULTAS DOS CORINTIOS. MATRIMONIO E VIRXINDADE

**O matrimonio: dereitos e deberes**

**7** [1]E agora falemos do que me escribistes. Ben lle está ao home non tocar muller; [2]pero, para evitar a fornicación, que cada home teña a súa muller, e que cada muller teña o seu home. [3]Que o home cumpra coa súa muller, e o mesmo a muller co seu home. [4]A muller non é a dona do seu corpo, éo o home; e do mesmo xeito, o home non é o dono do seu corpo, éo a muller. [5]Non vos privedes un ao outro, a non ser de común acordo por algún tempo, co fin de terdes vagar para a oración; e de novo estar unidos no mesmo, para que non vos tente Satanás por culpa da vosa incontinencia.

[6]Isto que vos digo é unha concesión, non un precepto. [7]Eu ben quixera que todos os homes fosen coma min; pero cada un recibe de Deus a súa graza particular: uns dun xeito, outros doutro.

[8]Aos solteiros e ás viúvas dígolles que lles era ben quedaren coma min; [9]pero, se non aguantan, que casen, que máis vale casar que abrasarse.

[10]Aos casados dígolles, non eu senón o Señor, que a muller non se separe do seu home. [11]En caso de que chegue a separarse, ou que siga sen casar ou que se poña a ben co home. E que o home non repudie a súa muller.

[12]Aos outros dígolles eu, non o Señor, que se un irmán ten unha muller que non cre, pero que consente en vivir con el, que non a deixe. [13]E se unha muller ten un home que non cre, pero que consente en vivir con ela,

**6**, 11 Paulo alude aquí aos sacramentos da iniciación cristiá, subliñando a súa dimensión trinitaria: cf Feit **22**, 16; Heb **10**, 22 (ser lavados); Ef **5**, 26 (ser santificados); Tit **3**, 4-5 (no Espírito).

**6**, 12-13 Paulo refuta algunhas desculpas –quizais adaxios, quizais ditos mal interpretados do propio Paulo– coas que algúns querían tapar as súas faltas.

**6**, 16 Xén **2**, 24; cf Mt **19**, 5.

**7**, 1 "Segunda parte" da carta: Paulo contesta as consultas que os mesmos corintios lle fixeran chegar acerca de cuestións entón moi vivas.

O apóstolo vai tratar en xeral das relacións entre matrimonio e virxindade. Pódense sinalar tres puntos principais: 1.º Quen non resista a concupiscencia, que case. 2.º A virxindade, como estado, é máis perfecta ca o matrimonio. 3.º Cada un que siga no estado que tiña cando Deus o chamou.

Cómpre dicir que este pensamento de Paulo é o punto de vista tomado baixo a impresión da inminencia temporal da Parusía (cf **15**, 51). Máis tarde completará a súa ensinanza, sobre todo en Ef **5**, 22-33.

**7**, 7 Cando Paulo escribe estas palabras, atópase libre de cargas matrimoniais: ou está célibe ou viúvo ou separado. E Paulo quixera este estado de liberdade para os seus cristiáns, ante a inminente vinda definitiva do Señor, na súa parusía final.

que non o deixe. [14]Pois o home que non cre queda santificado pola súa muller; e a muller que non cre queda santificada polo marido crente. Se non for así, os vosos fillos serían impuros, cando a verdade é que son santos. [15]Pero, se o non crente se quere separar, que se separe. En tal caso o irmán ou a irmá non quedan escravizados: Deus chamouvos para vivirdes en paz. [16]Pois que sabes ti, muller, se vas salvar ese home? Ou que sabes, ti, home, se vas salvar esa muller?

[17]Fóra disto, que cadaquén viva conforme o Señor lle asignou, no estado en que Deus o chamou. Tal é o que dispoño en todas as igrexas.

[18]Que a chamada o colleu circuncidado? Non o disimule! Que a chamada o colleu incircunciso? Non se circuncide! [19]Nada vale a circuncisión, nada vale a incircuncisión: o que vale é cumprir os mandamentos.

[20]Que cadaquén siga no estado en que o chamaron. [21]Que te chamaron sendo escravo? Non teñas pena! E, aínda que puideses facerte libre, mellor aproveita a túa condición. [22]Porque aquel a quen sendo escravo chamou o Señor, é liberto do Señor. Igualmente, aquel a quen chamou sendo libre, é escravo de Cristo. [23]Mercáronvos a bo prezo: non vos fagades escravos dos homes. [24]Irmáns, que cadaquén siga ante Deus no estado en que o chamaron.

### Os non casados e os viúvos

[25]Polo que toca aos non casados, non teño orde do Señor, pero dou un parecer como persoa que, pola misericordia de Deus, é digna de creto. [26]Coido eu que, por culpa da calamidade presente, é ben que cadaquén quede como está. [27]Que estás ligado a unha muller? Non teimes por librarte. Que non estás ligado a muller? Non busques muller. [28]Non obstante, aínda que cases, non pecas; e, aínda que case unha moza, tampouco peca. Pero os que casen terán tribulacións na carne, e eu quixer librarvos delas.

[29]O que vos digo, irmáns, é que o tempo é contado. O que importa é que os que teñen muller vivan coma se non a tivesen; [30]os que choran, coma se non chorasen; os que están alegres, coma se non se alegrasen; os que comercian, coma se non tivesen nada; [31]os que gozan no mundo, coma se non gozasen: porque o mundo, na súa configuración actual, está a pasar.

[32]Eu quixer vervos libres de preocupacións. O non casado preocúpase das cousas do Señor, da maneira de lle agradar; [33]pero o casado preocúpase das cousas do mundo, da maneira de lle agradar á muller; [34]e así está repartido. A muller non casada, o mesmo ca a rapaza solteira, preocúpase das cousas do Señor, procurando ser santa de corpo e alma. Pero a casada preocúpase das cousas do mundo, da maneira de lle agradar ao seu home. [35]Dígovos isto polo voso propio interese, non para vos amarrar botándovos un lazo: ao contrario, para vos guiar no que é honesto e leva sen divisións ao Señor.

[36]Pero se alguén se encontra en dificultade respecto da súa noiva, porque está moi apaixonado e xa non pode aguantar, que faga o que queira: non peca, que casen. [37]Pola contra, quen está firme no seu corazón e non sente unha compulsión irresistible, senón que permanece dono da súa vontade, se decidiu no seu interior respectar a súa noiva, fai moi ben; [38]de maneira que quen casa coa súa noiva obra ben e o que non casa obrará aínda mellor.

[39]A muller está ligada ao seu home mentres el viva. Pero, se o home morre, queda libre para casar con quen ela queira, sempre que sexa cun cristián. [40]Non obstante, será máis feliz se se deixa estar así. Ese é o meu sentir e paréceme que tamén eu teño o espírito de Deus.

**7**, 14 San Paulo fala aquí dunha "santidade" e dunha "pureza" rituais que indican unha relación especial de pertenza a Deus. Pero xa os profetas insistiran en que esta pureza ritual debe frutificar nunha vida santa, para que sexa válida.

**7**, 15 Non é seguro –máis ben parece certo o contrario: cf **7**, 11– que Paulo diga que pode volver casar. Porén, unha antiga tradición entendeu que si. E a Igrexa, baixo certas condicións –en forza non deste texto, senón do seu poder sacramental– permíteo: é o "privilexio paulino".

**7**, 21 Outros traducen: "aínda que se podes conseguir a liberdade, mellor aprovéitate" (e libérate).

**7**, 35 Aquí está indicado o auténtico sentido da moral cristiá: non impedir ou frear o desenvolvemento e a felicidade da persoa, senón para o seu ben, para o seu desenvolvemento pleno e para a súa felicidade profunda.

**7**, 38 Pasaxe de moi difícil tradución. A que damos pode estrañar, pero parece a máis axeitada. Paulo di que cada un permaneza no estado en que se fixo cristián. Isto era relativamente fácil para os casados, para os viúvos e incluso para os solteiros sen relacións. Pero podía ser moi difícil para certos namorados: uns poderán (vv. 37-38), outros non (v. 36). Filoloxicamente esta tradución é posible. Outros pensan que se trata do pai que sente vergonza por non ter casada a súa filla á que lle está pasando o tempo. Outros, finalmente, pensan nun "matrimonio espiritual".

# AS CARNES SACRIFICADAS AOS ÍDOLOS

### Os principios teóricos

**8** [1]No que toca ás carnes inmoladas aos ídolos, é ben sabido que todos temos coñecemento. Pero o coñecemento ensoberbece, mentres que o amor edifica. [2]Se alguén cre que xa coñece algo, aínda non coñece como hai que coñecer. [3]En troques, se alguén ama a Deus, Deus coñéceo a el.

[4]Así que verbo de comer as carnes sacrificadas aos ídolos, sabemos que ningún ídolo existe de verdade no mundo, nin deus ningún fóra do único. [5]Porque, aínda que haxa moitos deuses de nome, tanto no ceo coma na terra –e hai efectivamente moitos deuses e moitos señores–, [6]para nós non hai máis ca un só deus, o Pai, de quen todo procede e para quen nós estamos feitos; nin hai máis ca un só señor, Xesús Cristo, por quen todo existe e por quen existimos nós mesmos.

### O punto de vista da caridade

[7]Pero non todos teñen este coñecemento. Algúns, por estaren afeitos ata agora á mentalidade idolátrica, comen esa carne coma se fose sagrada: entón, a súa conciencia, por non estar segura, quédalles lixada. [8]Desde logo, non é a comida o que nos achega a Deus: non imos ser menos por non comer, nin por comer imos ser máis. [9]Pero tede coidado de que esa liberdade vosa non sexa tropezo para os débiles: [10]porque, se alguén te ve a ti, que tes coñecemento, sentado á mesa nun templo idolátrico, non é certo que a quen non está aínda seguro o vai tentar a conciencia a comer o sacrificado aos ídolos? [11]Así, polo teu coñecemento pérdese o débil, ese irmán por quen morreu Cristo.

[12]Dese xeito, pecando contra os irmáns e ferindo a súa feble conciencia, pecades contra Cristo. [13]Por iso, se unha comida escandaliza un irmán meu, endexamais probarei a carne, para non escandalizar o meu irmán.

### O exemplo de Paulo

**9** [1]Non son eu libre? Non son apóstolo? Logo non vin a Xesús, o noso Señor? Non sodes vós a miña obra no Señor? [2]Se para outros non son eu apóstolo, para vós si que o son, pois vós sodes, no Señor, o selo do meu apostolado.

[3]Esta é a miña defensa contra os que me demandan: [4]Acaso non temos dereito a comer e beber? [5]Non temos dereito a levar connosco unha muller irmá, o mesmo ca os demais apóstolos e os irmáns do Señor e Pedro? [6]Ou é que soamente eu e mais Bernabé carecemos do dereito de non traballar? [7]Quen foi algún día á guerra gastando do seu? Quen planta unha viña e non come o seu froito? Quen coida un rabaño e non se alimenta do seu leite?

[8]Ou estou falando con criterios humanos? Non di tamén a lei iso mesmo? [9]Pois é precisamente na Lei de Moisés onde está escrito: *Non lle poñas o bozo ao boi que malla*. Impórtanlle acaso os bois a Deus? [10]Ou non está ben claro que o di por nós? Sen dúbida está escrito por nós, pois quen labra precisa labrar con esperanza e tamén o que malla, coa esperanza de levar a súa parte. [11]Se nós sementamos en vós os bens espirituais, é moito que fagamos colleita nos vosos bens materiais? [12]Se outros teñen tal dereito sobre vós, non temos nós máis? Pero nós nunca nos aproveitamos dese dereito, ao contrario, aturamos todo, para non lle poñer ningún tropezo ao Evanxeo de Cristo.

[13]Non sabedes que os que celebran o culto viven do templo, e que os que serven no altar teñen parte nel? [14]Do mesmo xeito, o Señor prescribiulles aos que anuncian o Evanxeo que vivan do Evanxeo. [15]Pero eu non me aproveitei de nada diso, nin escribo estas cousas para aproveitarme agora: mellor morrer que... Non, a miña gloria ninguén ma tirará.

**8**, 1 "Eidolozytos": carne das reses sacrificadas aos ídolos nas festas e cerimonias pagás. Os ídolos, os sacerdotes e os doantes recibían a súa parte. O resto comíase en banquetes públicos ou vendíase na praza. Así se explican as consultas e as dúbidas dos cristiáns, que Paulo vai resolver a continuación. A norma que dá é: liberdade de espírito, pero sen escandalizar.

**8**, 3 *Deus coñéceo a el*: Deus ten sempre a iniciativa: o coñecemento é porque xa El nos "coñeceu" (o que implica tamén elección e amor).

**8**, 5 Refírese, naturalmente, ás crenzas pagás, non compartidas por el nin polos cristiáns.

**8**, 10 *Tentar*: Paulo, con ironía case sarcástica, di literalmente "edificar".

**9**, 5 *Muller irmá*: interpretouse tradicionalmente como mulleres cristiás que coidaban e atendían as necesidades materiais dos apóstolos. Hoxe tende a interpretarse como "esposa cristiá". Como se sabe, é moi probable que os mesmos apóstolos –a excepción quizais de Xoán– estivesen casados, e era normal que levasen consigo as súas mulleres.

**9**, 9 Dt **25**, 4; cf 1 Tim **5**, 18.

16Porque o mero feito de predicar o Evanxeo non é para min gloria ningunha: é unha
necesidade que teño enriba de min. Pobre de
min se non predico o Evanxeo! 17Pois así, se
fago isto polo meu gusto, xa teño premio;
pero, se o fago a contragusto, é un simple car-
go que estou obrigado a administrar. 18Onde
está, logo, o meu premio? En que, cando
predico o Evanxeo, o fago gratuitamente, re-
nunciando aos dereitos que este Evanxeo me
confire.
19Pois, sendo como son libre con respecto
a todos, de todos me fixen escravo para ganar
os máis posibles. 20Fíxenme xudeu cos xu-
deus, para ganar os xudeus; suxeito a lei cos
que están baixo a lei –eu, que non o estou–,
para ganar os que están baixo a lei. 21Cos que
están sen a lei, fixenme como sen lei –non
estando eu sen a Lei de Deus, tendo como
teño a Lei de Cristo–, para ganar os sen lei.
22Cos débiles fixenme débil, para ganar os
débiles. Fíxenme todo con todos, para salvar
algúns por riba de todo. 23Todo o fago polo
Evanxeo, para ter algunha parte nel.
24Non sabedes que os corredores no es-
tadio corren todos pero soamente un leva o
premio? Correde, logo, de maneira que le-
vedes premio. 25Todos os que compiten im-
póñense unha disciplina total: iso que eles
é para conseguiren unha coroa perecedoira;
nós, en cambio, unha imperecedoira. 26Eu,
pola miña parte, corro, pero non ao que saia;
loito, pero non dando golpes ao aire. 27Pola
contra, castigo duramente o meu corpo e trá-
too coma un escravo. Non vaia suceder que,
despois de lles predicar aos outros, quede eu
descualificado.

### O exemplo dos israelitas no deserto

**10** 1Porque eu non quero, irmáns, que
ignoredes que os nosos pais estiveron
todos baixo a nube; que todos pasaron polo
medio do mar; 2que, na nube e no mar, todos
recibiron o bautismo de Moisés; 3que todos
comeron o mesmo alimento espiritual 4–pois
bebían da pedra espiritual que os acompaña-
ba: e esa pedra era Cristo–. 5Pero, con todo, a
maior parte deles non lle agradou a Deus, xa
que os seus cadáveres ficaron estrados polo
deserto.
6Isto sucedeu como un exemplo para nós,
co fin de que non teñamos degoiros do mal,
como eles os tiveron. 7Nin vos fagades idó-
latras, o mesmo que algúns deles, como está
escrito: *Sentou o pobo a comer e a beber, e
logo levantáronse para se divertiren*. 8Nin
nos entreguemos á impureza, como fixeron
algúns deles, e nun día caeron vinte e tres
mil. 9Nin tentemos o Señor, como algúns
deles o tentaron e pereceron mordidos polas
serpes. 10Nin murmuredes, coma algúns de-
les, que pereceron vítimas do exterminador.
11Isto sucedeulles a eles como exemplo,
pero escribiuse para o noso escarmento, para
nós que vivimos na fin dos tempos. 12De xei-
to que o que crea estar de pé, teña coidado
de non caer! 13E a vós non vos viñeron ten-
tacións que superen as forzas humanas. Fiel
é Deus, que non consentirá que teñades ten-
tacións superiores ás vosas forzas: coa tenta-
ción havos dar tamén os medios para poder
saír dela.

### O banquete sagrado e os banquetes profanos

14Polo tanto, meus benqueridos, fuxide da
idolatría. 15Fálovos como se lle fala á xen-
te asisada: xulgade vós mesmos o que digo.
16A copa da bendición que bendicimos, non
é unha comuñón co sangue de Cristo? O pan
que partimos, non é unha comuñón co corpo
de Cristo? 17É como hai un único pan, tamén
nós, sendo moitos, formamos un único corpo,
porque todos participamos dese único pan.
18Ollade para o Israel histórico: os que
comen as vítimas, non están en comuñón co
altar? 19Que quero dicir entón?: que a carne
inmolada aos ídolos é algo? ou que é algo

**9**, 17-18 A tradución non é sempre fácil nos detalles, pero o sentido xeral é claro: Paulo resalta a gratuidade na predicación do Evanxeo.
**9**, 22 *Por riba de todo*. Outra trad. posible: "para polo menos salvar algúns".
**9**, 27 Paulo emprega nesta pasaxe un vocabulario deportivo, cousa que adoita facer a miúdo.
**10**, 1-5 A Historia Sagrada foi sempre para os cristiáns unha lección viva. O acontecemento narrado aquí é quizais o de máis rica significación teolóxica. O maná e mais a auga que saía da pedra son figuras da Eucaristía. A liberación de Exipto a través do mar Vermello, baixo a dirección de Moisés, evoca a nosa liberación do pecado por Cristo, mediante o Bautismo. A pedra espiritual alude a unha tradición dos rabinos. Conforme ela, o penedo de onde Moisés tirara auga disque acompañou os israelitas polo deserto.
**10**, 6 *Exemplo*: á letra "tipo", prefiguración profética do que ha suceder máis tarde.
**10**, 7 Éx **32**, 6.
**10**, 8 Alúdese á participación nos ritos sexuais de Baal Peor (cf Núm **25**, 1-9). O vocábulo "porneia" equivale neste caso á comuñón cun deus alleo.
**10**, 16-17 Exposición sumaria pero profunda do significado da Eucaristía.
**10**, 17 Tamén é posible traducir: "Porque un só pan, un corpo somos os moitos, porque participamos...".
**10**, 18 *Israel histórico*: lit. "Israel segundo a carne".

o ídolo? [20]Ao contrario, digo que os sacrificios que ofrecen os pagáns honran os demos e non a Deus; e eu non quero que entredes en comuñón cos demos. [21]Non podedes beber a copa do Señor e a copa dos demos. Non podedes participar na mesa do Señor e na mesa dos demos. [22]Ou é que queremos desafiar o Señor? Ou somos nós máis fortes ca El?

**Solucións prácticas**

[23]"Todo está permitido", pero non todo me presta; "todo está permitido", pero non todo é construtivo. [24]Que ninguén busque o seu propio interese, senón o dos demais.

[25]Comede todo o que se vende na cortadoría, sen preguntar cousa ningunha por motivos de conciencia, [26]pois do Señor é a terra e todo o que a enche. [27]Se algún infiel vos convida e queredes ir, comede todo o que vos poñan e non preguntedes nada por motivos de conciencia. [28]Pero se un vos di: "Isto foi sacrificado aos ídolos", daquela non comades. Por causa de quen vos avisou e pola conciencia. [29]Non me refiro á vosa conciencia, senón á do outro.

Pero, por que a miña liberdade vai ter de xuíz a conciencia doutro? [30]E, se eu cando participo nunha comida llo agradezo a Deus, por que me teñen que criticar por algo que como dándolle as grazas?

[31]Mirade, tanto que comades como que bebades, como calquera cousa que fagades, facédeo todo para gloria de Deus. [32]Non sexades tropezo nin para os xudeus, nin para os gregos, nin para a Igrexa de Deus.

[33]Así tamén eu procuro agradar a todos en todo, non buscando a miña comenencia, senón a da maioría, para que se salven.

**11** [1]Procurade imitarme a min, como eu imito a Cristo.

## NORMAS PARA AS ASEMBLEAS LITÚRXICAS

**A participación das mulleres**

[2]Felicítovos por vos lembrar de min en todo, e por manterdes as tradicións tal como volas entreguei. [3]Pero quero que saibades que a cabeza de todo home é Cristo, que a cabeza da muller é o home, e que a cabeza de Cristo é Deus. [4]Todo home que reza ou profetiza coa cabeza cuberta, deshonra a súa cabeza. [5]E toda muller que reza ou profetiza coa cabeza descuberta, deshonra a súa cabeza, pois é talmente igual coma se estivese rapada. [6]Logo, se unha muller non se cobre, que se rape. Pero, se é unha deshonra para a muller cortar o pelo ou raparse, que se cubra.

[7]O home non necesita, xa que logo, cubrir a cabeza, sendo como é a imaxe e reflexo de Deus. Mais a muller é o reflexo do home. [8]Porque o home non procede da muller, senón a muller do home. [9]Nin se creou o home para a muller, senón a muller para o home. [10]Por iso debe a muller levar na cabeza un sinal de submisión, por mor dos anxos. [11](Aínda que polo demais, no Señor nin a muller existe sen o home nin existe o home sen a muller; [12]pois do mesmo xeito que a muller vén do home, o home vén por medio da muller, e todo vén de Deus).

[13]Xulgade por vós mesmos: é decente que a muller rece a Deus coa cabeza descuberta? [14]Non vos ensina a mesma natureza que é unha deshonra para o home deixar medrar o pelo [15]e que, pola contra, lle campa á muller o pelo longo? Pois a ela as guedellas déronselle como pano da cabeza. [16]Ademais, se alguén ten gana de discusións, saiba que non temos tal costume, nin tampouco as igrexas de Deus.

**A Cea do Señor**

[17]Ao facervos estas recomendacións, non podo aplaudir o feito de que as vosas reunións produzan máis mal ca ben. [18]O primeiro que

**10**, 26 Sal 24, 1.

**11**, 2-5 As disposicións que Paulo dá aquí hai que as considerar no seu condicionamento histórico. Ninguén fixo tanto coma o cristianismo, primeiro pola liberación e promoción da muller, e mesmo daquela a muller cristiá era a que gozaba de máis liberdade. Desgraciadamente, parece que as reaccións dos pagáns obrigaron xa a Paulo a facer recortes, e a historia posterior ata hoxe non estivo á altura da proclamación inicial (Gál **3**, 28: en Cristo non hai diferenza entre home e muller). Algo que cómpre recuperar urxentemente no mundo de hoxe.

**11**, 3 *Cabeza* ten en grego o dobre sentido de cabeza e xefe. Tendo isto en conta, non será difícil entender este v.

**11**, 4s *Profetiza*: proclama a palabra, movido polo Espírito.

**11**, 10 Versículo de difícil interpretación. Parece ser: o pano da cabeza é un signo de submisión ao marido; a alusión aos anxos indicaría que se ofenderán se non se garda a orde debida nas funcións litúrxicas, ás cales se pensaba que asistían (téñase en conta que eles aparecen descritos coa face velada ante Deus).

**11**, 16 Corta polo san toda discusión, apelando á tradición das comunidades primitivas de Xudea.

**11**, 18 Non debemos esquecer que entón aínda non había igrexas-edificio. As asembleas cristiás facíanse nas casas particulares.

oio é que cando vos xuntades en asemblea hai divisións entre vós e, en parte, créoo, [19]pois é necesario que haxa bandos entre vós, para que se vexa quen entre vós é honesto.

[20]Deste xeito, cando vos xuntades en común, iso xa non é comer a Cea do Señor, [21]pois ao poñervos a comer, cada un agárrase á súa propia comida e uns pasan fame mentres os outros se emborrachan. [22]Seica non tedes casas para comer e para beber? Ou é que queredes desprezar a Igrexa de Deus e avergonzar os que non teñen? Que vos vou dicir? Vouvos felicitar? Non, nisto non vos felicito.

[23]Porque eu recibín do Señor, e transmitinvos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan [24]e, despois de dar grazas, partiuno e dixo: "Isto é o meu corpo, que se entrega por vós. Facede isto en memoria miña". [25]Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa, dicindo: "Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue. Cada vez que a bebades, facédeo en memoria miña".

[26]Polo tanto, cada vez que comedes deste pan e bebedes desta copa, anunciades a morte do Señor, ata que El volva.

[27]De maneira que quen coma o pan ou beba da copa do Señor indignamente, terá que responder do corpo e do sangue do Señor.

[28]Examínese cadaquén a si mesmo antes de comer o pan e de beber da copa. [29]Porque quen, sen recoñecer o corpo, come e bebe, come e bebe a súa propia condenación. [30]Que por iso hai entre vós moitos achacosos e enfermos, e morren abondos. [31]Se nos examinásemos ben, ninguén nos xulgaría. [32]Aínda que, se nos xulga o Señor, é para educarnos, para que non nos condenemos co mundo.

[33]Pois logo, meus irmáns, cando vos xuntedes para comer, atendédevos uns a outros. [34]Se algún ten fame, que coma na casa, de modo que non vos xuntedes para a condenación. O resto xa o arranxarei cando chegue.

### Os dons do espírito

**12** [1]Acerca dos dons espirituais non quero, irmáns, que esteades na ignorancia. [2]Ben sabedes que cando erades pagáns, sentiádesvos arrebatados á forza cara aos ídolos mudos. [3]Por iso vos declaro que ninguén que diga "Renegado sexa Xesús", fala movido polo Espírito de Deus; e que ninguén é capaz a dicir "Xesús é o Señor", se non é baixo o influxo do Espírito Santo.

### Variedade e unidade dos dons

[4]Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito; [5]hai diversidade de servizos, pero un mesmo Señor; [6]e hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos.

[7]A cadaquén dáselle a manifestación do Espírito para o ben común. [8]A un o Espírito dálle palabra de sabedoría; a outro dálle palabra de ciencia o mesmo Espírito; [9]a aqueloutro o mesmo Espírito concédelle fe. [10]A un este mesmo Espírito dálle o don de curacións; a outro, o don de facer milagres; a outro, o don da profecía; a outro, discernimento de espíritos. A un, don de falar distintas linguas; a outro, o saber interpretar esas linguas. [11]Pero todo isto é un e o mesmo Espírito quen o realiza, repartindo a cada un en particular como a el lle parece.

### A comparanza do corpo

[12]Porque igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros, e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo, así tamén Cristo. [13]Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres; e a todos se nos deu a beber un único Espírito.

[14]Pois ben, o corpo non está formado por un único membro, senón por moitos. [15]Se o pé dixer: "Como non son man, eu non son do corpo", non por iso deixaba de ser do corpo.

**11**, 21 En Corinto había o costume de ter unha comida en común antes de celebrar a Eucaristía. Nela era onde se daban os abusos que Paulo reprende.
**11**, 23-27 Esta é a primeira narración escrita que conservamos da institución da Eucaristía (uns 10 ou 12 anos antes ca o Evanxeo de Marcos). Forma paralelo con Lc **22**, 19-20, fronte ao outro paralelo Mt-Mc.
**11**, 29 *Sen recoñecer o corpo*: é dicir, sen tomar na debida consideración que está recibindo o Corpo do Señor.
**11**, 30 Paulo interpreta que en Corinto a irreverencia na Eucaristía era castigada por Deus con enfermidade e mesmo coa morte.
**12**, 4 *Dons*: lit. "carismas", pero o significado actual da palabra é máis restrinxido do que Paulo lle atribúe aquí. Eran dons espirituais extraordinarios, que o Espírito Santo concedía a algúns membros da comunidade, para testemuñar a súa presenza e axudar ao desenvolvemento da Igrexa. Os carismas non son privativos da igrexa primitiva, senón esenciais na Igrexa de todos os tempos. O característico de entón é o seu carácter extraordinario e fervente, que é precisamente o que podía ocasionar confusións. Confusións máis fáciles e perigosas polo feito de que as funcións xerárquicas eran aínda pouco exercidas nas igrexas particulares. Paulo trata de poñer orde e dar principios.
**12**, 12 Paulo toma neste c. unha comparanza clásica, vivificándoa coa súa experiencia cristiá. A fecundidade desta comparanza para a vida cristiá expresaraa sobre todo nas Cartas da Catividade.

16E se o oído dixer: "Como eu non son ollo,
non son do corpo", non por iso deixaba de
ser do corpo. 17Se todo o corpo for ollo, onde
estaría o oído? E se for todo oído, onde esta-
ría o ulido?
18Ora ben, foi Deus quen puxo os mem-
bros, colocando cada un deles no corpo
como El quixo. 19Se todo for un único mem-
bro, onde estaría o corpo? 20En realidade,
hai moitos membros, pero un corpo só. 21O
ollo non lle pode dicir á man: "Non preciso
de ti". Nin a cabeza aos pés: "Non preciso
de vós". 22Todo o contrario: os membros do
corpo que parecen máis débiles son os máis
necesarios; 23e os que temos por menos de-
corosos, cubrímolos con máis decoro; e os
menos honestos tratámolos con máis recato,
24cousa que non precisan os honestos. Deus
dispuxo o corpo dándolle máis honor ao máis
privado del, 25para que non haxa discordia no
corpo, senón que, ao revés, os membros se
preocupen por igual uns dos outros. 26E así,
cando padece un membro, todos padecen con
el; cando a un membro o tratan ben, todos se
alegran con el.

### O corpo místico de Cristo

27Ben, pois vós sodes corpo de Cristo e ta-
mén membros, cada un pola súa parte. 28Na
Igrexa dispuxo Deus: primeiro apóstolos,
logo profetas, en terceiro lugar mestres. Des-
pois os que teñen poder de facer milagres;
finalmente os que teñen don de curacións,
de asistencia, de goberno, de falar distintas
linguas. 29Ou é que todos son apóstolos? To-
dos son profetas? Todos son mestres? Todos
fan milagres? 30Todos teñen o don de curar?
Todos falan en moitas linguas? Todos saben
interpretar?
31De todos modos, cobizade os carismas
mellores. Pero, ademais, aínda vos vou mos-
trar o camiño por excelencia.

### Himno ao verdadeiro amor

**13** 1Por moito que eu falase as linguas
todas dos homes e as dos anxos, se
non tiver amor, non sería máis ca un bronce
que resoa ou un pandeiro que repenica.
2Por moito que eu falase inspirado e com-
prendese todos os misterios e mais toda a
ciencia e tivese tanta fe que movese os mon-
tes, se non tiver amor, non sería nada.
3Por moito que eu reparta todo o que teño
e me deixe queimar vivo, se non tiver amor,
non me sería de proveito ningún.
4O amor é de corazón grande, é servizal. O
amor non ten envexa, non ten fachenda, non
se ensoberbece; 5non é malcriado, non busca
a súa comenencia, non se alporiza, non garda
malicia; 6non simpatiza coa inxustiza, senón
que se alegra coa verdade. 7Desculpa sempre,
fíase sempre, espera sempre, atura sempre.
8O amor non pasa endexamais, mentres
que as profecías desaparecerán, as linguas
calarán, a ciencia acabará. 9Porque a nosa
ciencia é limitada, e limitada é a nosa inspira-
ción, 10e cando veña o perfecto, desaparecerá
o limitado. 11Cando eu era neno, falaba coma
un neno, pensaba coma un neno, razoaba
coma un neno; cando cheguei a home, dei-
xei de lado as cousas de neno. 12Igualmente,
agora vemos nun espello, escuramente; pero
daquela habemos ver cara a cara. Agora co-
ñezo dun modo incompleto; pero daquela
hei coñecer tan ben como Deus me coñece a
min. 13En resumo, hai tres cousas que perma-
necen: a fe, a esperanza e o amor; pero delas
a meirande é o amor.

### Finalidade dos carismas: a edificación da comunidade

**14** 1Buscade a toda costa o amor; cobiza-
de tamén os dons espirituais e, máis
que nada, o da profecía. 2Porque o que fala
en linguas estrañas non fala para os homes
senón para Deus, xa que ninguén o entende.
O que fai é falar polo espírito cousas miste-
riosas, 3mentres quen profetiza, fala para os
homes, edifica, anima, consola. 4Quen fala
co don de linguas edifícase a si, pero quen
profetiza edifica a comunidade. 5Quixera que
todos faledes en linguas, pero quero máis que
faledes profeticamente. Porque quen fala ins-
pirado é máis ca o que fala en linguas, non

**13**, 1 Este é un magnífico canto da caridade (no texto traducimos amor, para evitar equívocos, pois o vocábulo *caridade* ten hoxe algúns aspectos desprestixiados). A caridade, que é a esencia mesma de Deus (cf 1 Xn **4**, 7-8. 16), é posta por Deus nos nosos corazóns. Ao contrario do amor natural, incapaz de vencer o egoísmo e a autolatría, a caridade busca esencialmente o ben do outro: Deus e mais o próximo.
**13**, 13 O amor permanece eternamente. Como "esencia de Deus", éo tamén da realidade: pode crecer ata o infinito. En cambio nas outras dúas virtudes teologais haberá un salto cualitativo: a fe converterase en "visión"; e a esperanza, en "posesión".
**14**, 2 *En linguas estrañas*: lit. "en linguas". Non é claro o que significaba ese don. Parece –como mostra o contexto– que se trataba dun xeito "entusiasta" de oración. Algún cristián, cheo de fervor espiritual, rompía en loanzas a Deus, que se convertían en palabras ou berros inintelixibles. Os demais vían niso a presenza do Espírito, pero non "entendían" nada: de aí a insistencia de Paulo na necesidade da "interpretación".

sendo que ao mesmo tempo as interprete, de maneira que sirva de edificación á comunidade.

6Porque supoñamos, irmáns, que eu chegase onda vós falando en linguas. De que vos aproveitaría, se a miña palabra non vos proporcionase nin revelación, nin ciencia, nin inspiración, nin ensinanza? 7Pasa igual que cos instrumentos de música: unha frauta ou unha cítola, poñamos por caso. Se non dan as notas con precisión, como un vai saber o que tocan? 8Ou tamén: se unha trompeta toca sen xeito ningún, quen se vai preparar para o combate? 9Pois igual vós, se co don de linguas non pronunciades palabras claras, como se vai entender o que falades? Falaredes para o vento. 10No mundo hai linguas a barullo e ningunha carece de sentido. 11Pero se non coñezo o significado das palabras, serei un estranxeiro para quen me fala; e estranxeiro será el para min. 12Pois logo, xa que desexades tanto os dons espirituais, procurade abundar neles, para edificación da comunidade.

13Por iso, quen fale co don de linguas, que pida o don de interpretalas. 14Porque, se rezo co don de linguas, reza o espírito; pero o meu entendemento queda sen froito. 15Entón que? Rezarei co espírito, pero tamén rezarei co entendemento; cantarei himnos co espírito, pero cantareinos tamén co entendemento. 16Doutro xeito, se dás grazas co espírito, como van responder Amén á túa acción de grazas os que aínda están no grupo dos simpatizantes? Eles non entenden o que dis. 17Ti fas, de certo, unha excelente acción de grazas, pero o outro non queda edificado.

18Grazas a Deus teño máis don de linguas ca todos vós. 19Pero na asemblea prefiro dicir cinco palabras contadas, pero que se entendan e que poidan instruír tamén aos demais, antes ca un discurso enteiro co don de linguas.

20Irmáns, non sexades meniños no xuízo, senón só na falta de malicia. No xuízo tedes que ser homes. 21Está escrito na lei:

*Por homes doutra lingua*
*e con labios alleos,*
*heille falar a este pobo;*
*e nin así me escoitarán*
–di o Señor. 22De maneira que as linguas serven de sinal, non para os crentes, senón para os incrédulos; a profecía, pola contra, serve para os crentes e non para os incrédulos. 23Poñamos por caso que se reúne toda a comunidade en asemblea e que todos falan co don de linguas, se lles cadra entrar a algúns simpatizantes ou non crentes, non dirán que toleastes? 24Pero, se todos profetizades e entra un non crente ou un simpatizante, séntese argüído por todos, séntese axuizado por todos, e 25quedan ao descuberto os segredos do seu corazón. Entón prostrarase e adorará a Deus proclamando: "Realmente Deus está entre vós".

**Regras prácticas**

26Que facer, entón, irmáns? Cando vos xuntedes, cada un pode cantar un himno, dar unha ensinanza, manifestar unha revelación, falar unha vez co don de linguas, facer unha interpretación. Que todo sirva de edificación!

27No caso de que alguén fale co don de linguas, que sexan un ou dous soamente, ou, como moito, tres e á rolda, e que haxa un intérprete. 28Se non hai intérprete, entón quen teña ese don que cale na asemblea, pero que fale para si e para Deus.

29Os profetas, que falen dous ou tres; os demais saquen as consecuencias. 30Se algún dos que están sentados ten unha revelación, que cale quen está falando. 31Porque, un por un, todos podedes profetizar, de modo que todos aprendan e reciban ánimos; 32e ademais o espírito dos profetas está baixo o control dos propios profetas, 33porque Deus non é Deus de desorde, senón de paz.

Coma en todas as igrexas dos santos, 34as mulleres na asemblea que calen a boca, que non lles está permitido falar; que se mostren submisas, como a mesma lei o di. 35Se queren aprender algunha cousa, que llela pregunten na casa aos seus homes, pois non di ben nunha muller falar na asemblea.

36Acaso empezou por vós a palabra de Deus? Ou chegouvos acaso soamente a vós? 37Se algún se cre profeta ou inspirado polo espírito, recoñeza que o que eu vos escribo é un mandato do Señor. 38Se alguén o ignora, sinal de que tamén o ignorarán a el.

**14**, 16 Que formaban grupo á parte na asemblea. Aínda que, se cadra, se trata dalgún que aínda non era cristián.
**14**, 19 *Un discurso enteiro*: lit. "dez mil" (palabras).
**14**, 21 Is **28**, 11-12; cf Dt **28**, 49. *Lei*: aquí equivale a A. T.
**14**, 25 Is **45**, 14; Dn **2**, 47; Zac **8**, 23.
**14**, 30 *Quen está falando*: lit. "o primeiro".
**14**, 34 Xén **3**, 16; cf 1 Cor **11**, 3; Ef **5**, 22; 1 Tim **2**, 12; Tit **2**, 5.
**14**, 38 *Sinal de que tamén o ignorarán a el*: lit. "tamén el é ignorado". Texto difícil. Mesmo se podería traducir: "se algún ignora, que tamén el sexa ignorado" (non recoñecido), ou incluso "se ignora, que ignore".

39Así que, irmáns, aspirade a falar profeticamente e non lle privedes a ninguén de falar co don de linguas. 40Pero que todo se faga con dignidade e con orde.

## A RESURRECCIÓN DOS MORTOS

### O feito da resurrección de Cristo

**15** 1Quero que vos acorde, irmáns, o Evanxeo que vos prediquei, que vós aceptastes, no que ficades firmes 2e polo que vos estades salvando (se é que o gardades tal como volo anunciei. Do contrario, a vosa fe sería inútil).

3Transmitinvos, xa que logo, antes de nada o que eu mesmo recibín: que Cristo morreu polos nosos pecados conforme as Escrituras; 4que o sepultaron, que ao terceiro día resucitou conforme as Escrituras 5e que lle apareceu a Cefas e despois aos Doce. 6Máis tarde apareceulle dunha soa volta a máis de cincocentos irmáns; moitos deles aínda viven, algúns xa finaron. 7Despois apareceulle a Santiago e logo a todos os apóstolos. 8En derradeiro lugar apareceume tamén a min, como ao nacido a deshora.

9Pois eu son o menor dos apóstolos, que nin son merecente de me chamar apóstolo, xa que perseguín a Igrexa de Deus; 10pero pola graza de Deus son o que son, e esa graza que fixo comigo non ficou baleira. Ao contrario, traballei máis ca todos eles, aínda que non precisamente eu, senón a graza de Deus que está comigo; 11pero, en fin, que sexa eu ou que sexan eles, así predicamos e así crestes vós.

### A resurrección de Cristo: garantía da nosa resurrección

12Ora ben, se se predica que Cristo resucitou dos mortos, como é que andan algúns de entre vós dicindo que non hai resurrección dos mortos? 13Se non hai resurrección dos mortos, tampouco Cristo está resucitado. 14E, se Cristo non está resucitado, baleira é a nosa predicación, e baleira tamén a vosa fe.

15Resultaría, ademais, que nós acabamos sendo falsas testemuñas contra Deus, pois levantámoslle a Deus o testemuño de que resucitou a Cristo, sendo así que non o resucitou, caso de que efectivamente os mortos non resuciten. 16Pois, se os mortos non resucitan, tampouco Cristo está resucitado; 17e, se Cristo non está resucitado, a vosa fe é unha ilusión: estades aínda nos vosos pecados.

18Resultaría tamén que os que finaron en Cristo pereceron completamente. 19Ora que, se a esperanza que temos en Cristo é soamente para esta vida, nós somos os máis dignos de compaixón entre todos os homes.

20Pero non, Cristo resucitou dos mortos, como primicia dos que dormen. 21Porque xa que por un home entrou a morte, tamén por un home chegou a resurrección dos mortos; 22igual que todos morren por Adán, así tamén por Cristo todos han revivir. 23Pero cada un no seu momento: primeiro, Cristo; logo, no día da súa vinda, os que sexan de Cristo; 24despois será a fin, cando lle entregue o reino a Deus Pai, unha vez destruído todo principado, toda potestade e toda dominación. 25Porque é necesario que El reine ata que poña todos os seus inimigos por debaixo dos seus pés. 26A morte será o derradeiro inimigo destruído, 27pois todo o puxo por debaixo dos seus pés. Certo é que cando di que "todo está sometido", é claro que con excepción daquel que lle someteu todas as cousas. 28E cando lle teña todo sometido, entón tamén o propio Fillo se someterá a quen lle someteu a El todo, para que Deus sexa todo en todo.

**15**, 1 Neste c. temos a descrición máis completa e fermosa do gran misterio da resurrección de Cristo e da nosa.
**15**, 3b-5 Este é un credo moi primitivo, recibido polo mesmo Paulo. É unha das formulacións máis completas e precisas da predicación dos anos 40; nótase na súa estrutura, en perfecto paralelo, no vocabulario non paulino. Nel proclámanse dous feitos: morte e resurrección; ambos teñen unha cualificación teolóxica (morte sacrificial e resurrección ao terceiro día); ambos xa están vistos na perspectiva do A. T. ("segundo as Escrituras") e ambos teñen cadansúa constatación (sepultura e aparicións). Seguramente era un resumo da fe que deberían profesar os catecúmenos antes de seren bautizados.
**15**, 5 *Os Doce*: aínda que xa faltaba Xudas, o grupo dos apóstolos seguía chamándose así, polo seu carácter corporativo e simbólico.
**15**, 8 *Nacido a deshora*: lit. "aborto", "froito abortivo". A tradución evita a rudeza da expresión, manténdose, non obstante, no seu campo semántico. Alude ao carácter extraordinario, violento e serodio da aparición de Cristo no camiño de Damasco. De todos os modos, Paulo sosterá, sobre todo na Carta aos Gálatas, que esta aparición ten o mesmo valor ca as outras, e, conseguintemente, Paulo é tan apóstolo coma os Doce.
**15**, 23 *No día da súa vinda* (lit. "Parusía"): a aparición derradeira de Cristo á fin dos tempos, en plena gloria, poder e maxestade.
**15**, 24 É dicir, todas as potencias hostís ao reino.
**15**, 25 Cf Sal **110**, 1.
**15**, 27 Sal **8**, 7.
**15**, 28 Grandiosa visión do cristianismo. O fin será a plenitude e a felicidade suma, na total unión con Deus en Cristo.

### Confirmación da verdade da resurrección

29De non ser así, que conseguen os que
se bautizan polos mortos? Se os mortos non
resucitan en absoluto, por que entón se bau-
tizan por eles? 30E nós mesmos, por que nos
poñemos en perigo en toda hora? 31Tan certo,
irmáns, coma o orgullo que por vós teño en
Cristo o noso Señor, que estou todos os días
ás portas da morte. 32Se loitei coas feras en
Éfeso con miras simplemente humanas, de
que me serve? Se os mortos non resucitan,
comamos e bebamos, que mañá morreremos.
33Non vos deixedes enganar: malas compa-
ñías estragan bos costumes. 34Volvede en vós
á realidade normal e non pequedes, porque
algúns perderon o coñecemento de Deus. Para
a vosa vergonza volo digo.

### Como será a resurrección

35Pero algún preguntará: como resucitan
os mortos? Con que clase de corpo volverán
á vida? 36Insensato! O que ti sementas non
prende na vida se primeiro non morre. 37Nin
sementas xa o corpo que vai nacer, senón un
simple gran de trigo, se cadra, ou de calquera
outra semente. 38Deus é quen lle dá o corpo
que lle parece: a cada semente o seu.

39Non todas as carnes son as mesmas:
unha cousa é a carne dos homes, outra a dos
animais, outra a dos paxaros, outra a dos pei-
xes. 40Hai corpos celestes e corpos terrestres;
pero o brillo dos celestes é distinto do brillo
dos terrestres. 41Unha cousa é o brillo do sol
e outra moi distinta o da lúa ou o das estrelas:
mesmo entre estrela e estrela hai diferenza de
brillo.

42O mesmo pasa tamén coa resurrección
dos mortos: seméntase na corrupción, resu-
cítase na incorrupción; 43seméntase no des-
prezo, resucítase na gloria; seméntase na
debilidade, resucítase na forza; 44seméntase
un corpo natural, resucita un corpo espiri-
tual. Se hai un corpo natural, tamén hai un
espiritual, 45pois así está escrito: o primeiro
home, Adán, fixérono un ser vivo; o último
Adán, un espírito que dá vida. 46Pero non foi
primeiro o espiritual, senón o natural, e des-
pois o espiritual. 47O primeiro home, saído
da terra, era terreal; o segundo home veu do
ceo. 48Como era o terreal, así son os terreais;
e como é o celestial, así son os celestiais. 49E
o mesmo que antes levamos a imaxe do te-
rreal, tamén levaremos a imaxe do celestial.

50O que vos digo, irmáns, é que a carne
e o sangue non poden herdar o Reino de
Deus; nin a corrupción herdará a incorrup-
ción. 51Vouvos revelar un misterio: non todos
imos morrer, pero todos nos imos transfor-
mar 52nun instante, nun pechar os ollos, ao
toque da derradeira trompeta: pois soará a
trompeta e os mortos resucitarán incorrupti-
bles e nós apareceremos transformados. 53É
necesario que isto corruptible se revista de
incorrupción e que isto mortal se revista de
inmortalidade.

54E cando isto corruptible se revista de in-
corrupción e isto mortal se revista de inmor-
talidade, entón cumprirase a palabra que está
escrita:

*a morte foi tragada pola vitoria.*
55Morte, u-la túa vitoria?
Morte, u-lo teu aguillón?

56O aguillón da morte é o pecado e a forza
do pecado é a Lei. 57Pero deámoslle as grazas
a Deus, que El nos dá a vitoria por medio do
noso Señor Xesús Cristo.

58Así que, meus irmáns queridos, mantédevos firmes e inabalables; aplicádevos cada vez máis á obra do Señor, sabendo que os vosos esforzos como cristiáns non son en balde.

**15**, 29 Alusión a unha práctica de natureza difícil de determinar. Probablemente unha crenza dos corintios de que, bautizándose en lugar dalgún morto non bautizado –catecúmeno?–, podían contribuír á salvación del.
**15**, 32 *Coas feras*: non parece que poida ter significado literal (nada din o libro dos Feitos nin 2 Cor **11**, 23-29). Alude á dura oposición que alí encontrou. *Comamos...*: proverbio que aparece xa no A. T.: Is **22**, 13; cf Sab **2**, 6ss.
**15**, 33 Verso do poeta Menandro que se fixo proverbial.
**15**, 34 *Perderon o coñecemento*: lit. "non teñen coñecemento". A tradución conserva mellor a metáfora e expresa mellor a realidade: son cristiáns que tiñan coñecemento pero deixáronse ofuscar, polo que o perderon. Paulo exhórtaos a que o recobren.
**15**, 44 *Natural*: á letra "psyquico". A *psyqué* é o principio vital que fai do home un ser vivo, na esfera das cousas naturais. Deus é quen nos dá o «pneuma», o espírito, principio divino que eleva a nosa vida ao plano sobrenatural. O pneuma é algo dinámico, que vai penetrándonos, corpo e alma, cada vez máis fondamente –se non lle facemos resistencia–, ata a eclosión final da resurrección. Entón seremos "pneumáticos": incorruptibles, inmortais, "divinos" (outros matices en **2**, 14 e **3**, 1).
**15**, 45 Xén **2**, 7.
**15**, 51 Parece que Paulo indica que, cando chegue a Parusía, os que estean vivos serán "espiritualizados", sen pasaren pola morte. Neste tempo, ao parecer, coidaba que a Parusía estaba próxima e que el mesmo a viviría persoalmente. En todo caso, a súa afirmación é válida para o (futuro) fin real da historia.
**15**, 54 Cita variante de Is **25**, 8; cf Ap **20**, 14.
**15**, 55 Posible alusión a Os **13**, 14, modificado.
**15**, 56 Cf Rm **7**, 7-25.

# CONCLUSIÓN

### Colecta para os cristiáns de Xerusalén

**16** [1]En canto á colecta a prol dos irmáns,
facede o mesmo que dispuxen para as
igrexas da Galacia. [2]Que o primeiro día da
semana cada un de vós vaia xuntando na súa
casa o que poida aforrar, para que non haxa
que facer a colecta cando vaia eu. [3]E, cando
chegue, mandarei a quen vós elixades, con
cartas, para levaren a vosa caridade a Xeru-
salén. [4]No caso de que pague a pena que vaia
tamén eu, irían comigo.

### Proxectos de viaxe

[5]Irei onda vós, cando atravese Macedonia,
pois pola Macedonia teño que cruzar. [6]Pero
convosco quizais me deteña e, se cadra,
aínda paso o inverno, co fin de que vós me
preparedes a viaxe para onde vaia. [7]Porque
esta vez non quero vervos só de paso, espero
quedar algún tempo convosco, se o Señor o
permite. [8]Deica Pentecoste permanecerei en
Éfeso, [9]pois ábreseme alí unha porta grande
e prometedora e son moitos os adversarios.

### Recomendacións e noticias

[10]Se chega por aí Timoteo, mirade que non
se sinta acovardado entre vós, pois traballa
coma min na obra do Señor. [11]Que ninguén
mo desprece. Arranxádelle a viaxe para que
veña en paz onda min, porque estou á espera
del cos irmáns.

[12]En canto ao irmán Apolo, teimei moito
nel para que fose onda vós cos irmáns; pero
agora non quixo ir de maneira ningunha: irá
cando se lle presente unha boa ocasión.

[13]Vixiade, afincádevos na fe, sede homes,
sede rexos. [14]Que todo o que fagades sexa
con amor.

[15]Unha recomendación, irmáns: ben sa-
bedes que a casa de Estevo é a primicia da
Acaia, e que todos eles se puxeron ao servizo
dos irmáns. [16]Poñédevos tamén vós á súa dis-
posición e á de todo o que colabore e traballe
con eles.

[17]Estou moi alegre coa visita de Estevo, de
Fortunato e de Acaico, pois eles enchéronme
a vosa ausencia, [18]tranquilizaron o meu espí-
rito e mais o voso. Apreciade, logo, os homes
coma eles.

### Saúdos e despedida

[19]Mándanvos recordos as igrexas de Asia.
Mándanvos un caloroso saúdo cristián Áquila
e Prisca e mais a asemblea que se xunta
na casa deles. [20]Saúdanvos todos os irmáns.
Saudádevos uns a outros co ósculo litúrxico.

[21]Este saúdo é da miña propia man, Paulo.

[22]Se algún non ama o Señor, botádeo fóra.
*Marana ta*.

[23]A graza do Señor Xesús sexa convosco.
[24]O meu amor está con todos vós en Cristo
Xesús.

**16**, 1 Trátase dos fieis de Xerusalén, que moi axiña pasaron necesidade. Paulo deulle moita importancia a esta colecta, porque vía nela un símbolo da unidade das igrexas fundadas por el entre os pagáns e a igrexa xudía-cristiá de Xerusalén. Tamén quizais a continuidade dos dous Testamentos.
**16**, 2 Lembremos que o primeiro día non é o luns, senón o "domingo", o día do Señor, que xa entón desprazaba ao sábado como día consagrado a Deus. A colecta cobra así un sentido máis fondo, máis cristián, máis eucarístico.
**16**, 9 Quere dicir que hai moitas posibilidades de apostolado.
**16**, 10 *Timoteo* era persoa tímida e ademais aínda moi novo (cf 1 Tim **4**, 12).
**16**, 11 *Estou á espera del cos irmáns*: expresión ambigua. Ou Paulo e os irmáns de Éfeso agardan a Timoteo, ou agarda a Timoteo e mais aos irmáns que o acompañan.
**16**, 12 Probablemente non quere ir, para non fomentar as discordias de que tratou Paulo no c. 3.
**16**, 20 *Ósculo litúrxico*: lit. "bico santo".
**16**, 21 A carta está, como de ordinario, escrita por un amanuense. Pero Paulo quere escribir do seu puño e letra o saúdo e mais a bendición final.
**16**, 22 *Marana ta: e*xpresión litúrxica aramea: "Señor, ven!". Como a liturxia primitiva era dunha intensa vivencia escatolóxica, significa ao mesmo tempo: "Señor, ven á fin dos tempos, para establecer o teu reino", e "ven xa agora ao medio de nós, que estamos xuntos para a Cea". Tamén se pode ler: *Maran atá*. Entón, aínda é menos probable, sería unha confesión: "O Señor vén".

# INTRODUCIÓN Á SEGUNDA CARTA AOS CORINTIOS

## 1. Circunstancias históricas que provocaron a Carta

*Na súa terceira "Viaxe Apostólica" tivo Paulo abonda correspondencia coa comunidade cristiá que el fundara na viaxe anterior. Dun primeiro escrito a chamada "Carta Precanónica" temos noticia só pola I Corintios.*

*Os dous documentos mandáronse desde Éfeso (cf Feit **19**, 8-10; **20**, 31).*

*Despois de mandar a I Corintios, pensaba Paulo viaxar a Macedonia e visitar os corintios á volta (cf 1 Cor **16**, 5-8); pero eran tan preocupantes as novas que lle trouxo Timoteo de Corinto, que o apóstolo xa desistiu de ir a Macedonia e foi directamente á capital de Acaia (cf 1 Cor **4**, 17; **16**, 10; 2 Cor **1**, 23-**2**, 1; **2**, 14; **13**, 1-2).*

*Xa alí, un membro daquela comunidade faltoulle a Paulo, e o apóstolo volveu a Éfeso e escribiu unha carta "bañada en bágoas". O encargado de levala foi Tito, que volveu cheo de ledicia polo froito conseguido (cf **7**, 7-16). Pero Paulo, que, ao ter que abandonar Éfeso (cf Feit **19**, 23-40; 2 Cor **1**, 8-10), esperaba a Tito en Tróade, vendo que non chegaba, marchou impaciente para Macedonia (**2**, 13). Á fin atopouno alí (**1**, 12-13; **7**, 5-6).*

*A carta que agora nos ocupa tenta preparar o ambiente, combatendo aos que negaban a condición apostólica de Paulo, ao se deixaren levar polos perturbadores xudaizantes. Paulo expón con firmeza as moitas angustias que soportou para anunciar a Cristo, a súa honestidade con eles, e mais as revelacións que Deus tivo a ben facerlle. Con estas e outras ideas, prepara a terceira visita á comunidade cristiá de Corinto (**9**, 5; **12**, 14; **13**, 1. 10).*

## 2. Autor e problemas de composición

2.1. *A paternidade paulina da II Corintios é recoñecida globalmente polos especialistas, que ven nela a man do apóstolo dos xentís. Só hai algúns que fan excepción da perícope **6**, 14-7, 1, por considerala moi próxima, desde o punto de vista teolóxico, aos escritos de Qumrân e maiormente por ver empregados bastantes vocábulos alleos á terminoloxía paulina.*

2.2. *No tocante á unidade da carta, a cuestión é máis problemática, de xeito que se dan opinións diverxentes:*

*–Algúns especialistas coidan que a II Corintios non se redactou como un só escrito, senón que sería o resultado de unirlle á verdadeira carta traballos feitos polo apóstolo noutras ocasións. Chegan a esta conclusión, ao ver os diferentes estados de ánimo do autor e as numerosas repeticións e incisos que se detectan na obra.*

*–Outros, en troques, pensan que a carta é un escrito feito dunha vez, e que os cortes no desenvolvemento dalgunhas ideas, para facer un inciso máis ou menos extenso, explícanse moi ben pola liberdade de Paulo, amigo dos anacolutos, mentres que as repeticións son tamén comprensibles nun autor de temperamento apaixonado, que intenta dar saída ao lume que leva dentro.*

## 3. Tempo e lugar de elaboración do escrito

3.1. *Para os que consideren esta carta como unha recolleita de traballos paulinos, a tal recolleita faríase arredor do ano 90.*

3.2. *Os que están pola unicidade do escrito, pensan que a carta a mandou Paulo ao remate do ano 57 desde Macedonia, probablemente desde a cidade de Filipos, onde estivo o Apóstolo no outono do 57 e pola Pascua do 58.*

## 4. Contido e estrutura

4.1. *O contido vén provocado polas circunstancias que moveron a Paulo a escribir: case toda a carta procura xustificar a súa misión apostólica e conseguir dese xeito a submisión da comunidade. Isto lévao a contarlles as tribulacións que tivo que aturar e mais as revelacións que Deus lle fixera. Tamén trata no seu escrito do sentido e das esixencias da colecta para a comunidade de Xerusalén, que era entón vítima da fame. Indirectamente tocará tamén outros temas: grandeza do ministerio apostólico, a redención por Cristo, a presenza do Espírito Santo no crente, a vida eterna e a Trindade.*

4.2. *Tendo en conta a temática tratada, descóbrese na carta a seguinte estrutura:*

*–Encabezamento: **1**, 1-11.*

*–Autodefensa do ministerio apostólico paulino: **1**, 12-**7**, 16.*

*–Colecta en favor da Igrexa de Xerusalén: **8**, 1-**9**, 15.*

*–Polémica do Apóstolo cos seus inimigos: **10**, 1-**13**, 10.*

*–Exhortacións, saúdos e bos desexos: **13**, 11-13.*

# SEGUNDA CARTA AOS CORINTIOS

### Saúdo e acción de grazas

**1** [1]Paulo, apóstolo de Xesús Cristo por designio de Deus, e o irmán Timoteo, á Igrexa de Deus que está en Corinto e a todos os cristiáns da Acaia enteira, deséxovos a [2]graza e a paz de Deus noso Pai e do Señor Xesús Cristo.

[3]Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesús Cristo, Pai misericordioso e Deus de toda consolación! [4]El anímanos en todas as nosas mágoas, de xeito que poidamos nós animar aos outros en calquera aflición, no consolo que recibimos de Deus, [5]pois, do mesmo modo que rebordan en nós os sufrimentos de Cristo, tamén grazas a Cristo reborda igualmente o noso ánimo.

[6]Se pasamos apertos, é para que vós teñades ánimo e vos salvedes; se estamos animados, é para que vós teñades ánimo e aturedes con paciencia os mesmos sufrimentos que padecemos nós. [7]Sodes para nós motivo de firme esperanza, porque sabemos que, se sodes participantes nas mágoas, tamén o seredes no ánimo.

[8]Non queremos que descoñezades, irmáns, as tribulacións que pasamos en Asia, cargados por riba das nosas forzas, ata perder a esperanza de saírmos con vida. [9]Porque tivemos sobre nós a sentenza de morte. Así aprendemos a non poñermos a confianza en nós senón en Deus, que resucita os mortos. [10]El foi quen nos librou de tan evidente perigo de morte e hanos de seguir librando –confiamos nel, que nos librará no futuro–, [11]se colaborades tamén vós coa vosa oración en favor noso. Así, a graza conseguida pola intercesión de moitos fará tamén que moitos dean grazas por cousa nosa.

### Os motivos do seu comportamento

[12]O noso orgullo é o testemuño da nosa conciencia, de nos comportar no mundo –e non digamos convosco–, coa santidade e transparencia de Deus, non con sabedoría humana senón por graza de Deus, [13]porque non vos escribimos outra cousa do que ledes e entendedes. Espero que comprendades de vez, [14]xa que nos entendestes en parte, que somos o motivo da vosa honra, como vós o ides ser para nós, o día do noso Señor Xesús.

[15]Precisamente con esta confianza propúñame comezar eu por visitarvos, para que tivésedes un dobre regalo. [16]Pensaba ir a Macedonia pasando por onda vós, e de Macedonia ir outra vez onda vós, para me arranxardes a viaxe a Xudea.

[17]Actuei con lixeireza cando programei así? Ou é que eu fago os meus plans con miras humanas, de xeito que non quede ben claro en min o si coma un si e o non coma un non? [18]Ben sabe Deus que, cando trato convosco, non hai si e non, [19]porque o Fillo de Deus, Cristo Xesús, que nós vos anunciamos –Silván, Timoteo e mais eu–, non foi si e non: nel non houbo máis ca si; [20]todas as promesas de Deus encontraron nel o si: velaí o porqué de respondermos "amén" por el cando damos gloria a Deus. [21]O que nos mantén firmes –a min e a vós– na adhesión a Cristo é Deus, que nos unxiu para si, [22]que tamén nos marcou co seu selo e infundiu nos nosos corazóns a garantía do seu Espírito.

[23]Pola miña parte, poño a Deus por testemuña (e que me quite a vida se vos minto) que, se aínda non volvín a Corinto, foi por consideración convosco. [24]Non é que a vosa fe dependa de min; pero son colaborador da vosa alegría, pois, de certo, estades seguros na fe.

**1**, 1 *Apóstolo de Xesús Cristo*: título que a Paulo lle gusta usar (1 Cor **1**, 1; Gál **1**, 1; Col **1**, 1) e que prepara nesta carta a apoloxía que vai facer do seu ministerio. Paulo non é un mandado polos homes senón por Deus.

*Cristiáns*: no texto orixinal, "santos", por seren membros da "comunidade santa", do pobo elixido por Deus e consagrado a El.

*Acaia* é a parte sur da Grecia actual, que abranguía o territorio do Peloponeso. Desde o ano 31 a. C. tiña como capital Corinto.

**1**, 2 *Graza* e *paz*: saúdos grego e hebreo respectivamente, cos que o apóstolo manifesta os mellores desexos para os crentes: a benquerenza de Deus e toda clase de cousas boas para eles.

**1**, 8 *As tribulacións que pasamos en Asia*. Refírese probablemente á revolta provocada contra el en Éfeso (Feit **19**, 23-**20**, 1; cf 1 Cor **15**, 32), cidade pertencente á Asia Menor, na Turquía actual.

**1**, 12 Comeza aquí a primeira apoloxía que fai Paulo do seu labor cos corintios: tanto el coma Silván e Timoteo foran onda eles con transparencia e agarimo, servíndolles o Evanxeo tal como Deus quere e non con presuncións humanas e enganos como fixeron outros, que foron aproveitarse do seu traballo e, por riba, foron arredar do apóstolo a comunidade corintia.

**1**, 20 O vocábulo hebreo *Amén* significa "certo", "de acordo".

**1**, 23 Na perícope **1**, 23-**2**, 4, Paulo xustifica o feito de lles mandar unha carta en vez de os ir ver. Agora, como xa fixera un pouco antes, prefire escribirlles outra vez, para non atopalos tristes cando os vaia visitar (cf **12**, 14. 20-21).

**2** [1]E tomei a decisión de non ir outra vez
onda vós con mágoas. [2]Porque, se eu vos
entristezo, quen me vai alegrar a min, non
sendo o que está magoado por causa miña?
[3]E escribinvos todo iso para que, cando eu
chegase, non me causasen tristeza os que me
debían producir alegría, confiado como estou
en que todos facedes vosa a miña alegría. [4]De
tanta tribulación e angustia que sentía, escri-
binvos cheo de bágoas, pero non para vos
poñer tristes, senón para que vos decatásedes
do moito cariño que vos teño.

[5]Porque –sen esaxerar– se alguén me ma-
goou, non me magoou a min, senón dalgunha
maneira a todos vós. [6]A ese tal, abóndalle a
corrección aposta pola maioría da comunida-
de. [7]Agora, en troques, é mellor que o per-
doedes e que o animedes, non vaia sentirse
o home amargado por tanta tristeza. [8]Por iso
vos pido que lle fagades sentir o voso agari-
mo. [9]Pois para iso tamén vos escribín: para
coñecer a vosa compostura, a ver se sodes
obedientes en todo. [10]A quen vós perdoades
algo, tamén eu perdoo: que, ben mirado, o
que eu perdoo –se algo teño que perdoar–,
é por causa vosa, diante de Cristo, [11]para que
Satanás non saque vantaxe de todo isto, pois
non descoñecemos as súas intencións.

[12]Cando cheguei a Tróade para anunciar o
Evanxeo de Cristo, aínda que tiña as portas
abertas para traballar como cristián, [13]non
tiven acougo no meu espírito, por non en-
contrar alí o irmán Tito. Entón despedinme
daquela xente e saín para Macedonia.

### A salvación "en Cristo"

[14]Doulle grazas a Deus, que, unidos a Cris-
to, nos leva decote ao seu triunfo e que, por
medio de nós, espalla por todas as partes o
perfume do seu coñecemento. [15]Porque so-
mos recendo de Cristo para Deus, tanto entre
os que se salvan coma entre aqueles que se
perden: [16]para estes somos un cheiro de mor-
te, ao servizo da morte; para os outros, un
recendo de vida, para a vida. E nestas cou-
sas, hai alguén capaz abondo? [17]Nós, de feito,
non imos traficando coa mensaxe de Deus,
coma tantos outros, senón que falamos con
transparencia, como quen é de Deus e fala
diante de Deus, en Cristo.

### O ministerio da Nova Alianza

**3** [1]Comezamos outra vez a recomendarnos?
Será que, como certos individuos, preci-
samos de cartas de recomendación para vós
ou da vosa parte? [2]A nosa carta sodes vós:
unha carta escrita nos nosos corazóns, coñe-
cida e lida por toda a xente. [3]Nótasevos que
sodes unha carta de Cristo, redactada por
nós, e non escrita con tinta senón co Espírito
do Deus vivo; e non en táboas de pedra, se-
nón en táboas de corazóns de carne.

[4]Esta é a confianza que temos diante de
Deus, grazas a Cristo. [5]Non é que de noso
teñamos aptitudes para poder apuntar nada
na nosa conta como cousa propia: a nosa ca-
pacidade vénnos de Deus, [6]que nos capacitou
para sermos axentes dunha alianza nova, non
de letra, senón de espírito, pois a letra mata,
mentres que o Espírito dá vida.

[7]Se aquela oferta de morte (letras gravadas
na pedra) se volveu gloria, ata o punto de que
os israelitas non podían ver o rostro de Moi-
sés, "polo resplandor do seu rostro" (efémero
e todo como era), [8]canto máis gloriosa non
será a oferta do Espírito! [9]Porque se a oferta
da condena tivo gloria, canta máis gloria vai
ter a oferta da xustiza! [10]De feito aquela glo-
ria xa non é gloria, comparada con esta gloria
desbordante. [11]Daquela, se o efémero tivo o
seu momento de gloria, canta máis gloria terá
o que é permanente!

[12]Tendo entón esta esperanza, comportá-
monos con moita afouteza: [13]non coma Moi-
sés, que puña un pano por diante da cara para
que os israelitas non percibisen a fin do que
era caduco. [14]E nubróuselles o entendemento,
porque ata o día de hoxe permanece aínda o
mesmo pano cando len o Antigo Testamento,
sen se decataren de que, con Cristo, esvaece.
[15]Aínda hoxe, sempre que len a Moisés, un
pano cobre os seus corazóns. [16]"Pero cando

**2**, 3-4 Refírese á carta escrita pouco despois de volver de onda eles, unha carta bañada en bágoas, posterior á 1 Cor.
**2**, 5-11 Fai alusión a un corintio que ofendeu gravemente a Paulo e, como consecuencia, tamén á comunidade. O apóstolo pide agora que o perdoen, ratificándolle tamén el o propio perdón.
**2**, 12 *Tróade*: porto do mar Exeo, a 15 km da antiga Troia, na actual Turquía.
**2**, 13 *Macedonia*: provincia romana, situada ao norte de Acaia, e que abrangue hoxe o norte de Grecia e partes de Croacia e de Bulgaria.
**3**, 1ss Os xudaizantes tratan de desprestixiar a Paulo e conseguir así a adhesión dos corintios á Lei de Moisés. O Apóstolo ten que defenderse das acusacións que lle fan, aínda que non precisa de cartas de recomendación: a fe dos corintios, froito do seu traballo e da graza de Deus, é a mellor comprobación da súa condición de apóstolo.
**3**, 3 Cf Éx **24**, 12; **31**, 18; **34**, 1.
**3**, 6 Xer **31**, 31-34; Ez **36**, 26-27; cf Heb **8**, 10; **10**, 15-17.
**3**, 7 Non é que a antiga lei fose mala; pero dicindo o que hai que facer sen dar a forza necesaria para cumprilo, convertíase para o home en "servizo de morte" (Rm **7**, 7ss).
**3**, 13ss Éx **34**, 33-35.

se convertan ao Señor, quitarase o pano”.
17Ora, o Señor é o Espírito, e onde está o Espírito do Señor hai liberdade. 18E nós todos, coa cara descuberta, reflectindo coma nun espello a gloria do Señor, a súa imaxe, ímonos transformando de gloria en gloria, pola acción do Espírito do Señor.

### As tribulacións dos apóstolos e a forza do Evanxeo

**4** 1Por iso, exercendo este servizo pola misericordia de Deus, non nos apoucamos;
2máis ben puxemos á parte todo tipo de simulación, deixándonos de intrigas e evitando falsear a palabra de Deus. Ben ao contrario, manifestando a verdade, recomendámonos nós mesmos á conciencia que todo home ten diante de Deus.

3Se o noso Evanxeo continúa velado, é para aqueles que se perden: 4pola súa incredulidade o deus deste mundo cegoulles o entendemento para que non vexan o esplendor do Evanxeo da gloria de Cristo, que é imaxe de Deus. 5Porque nós non nos anunciamos a nós, anunciamos a Xesús Cristo como Señor; e a nós, como servos vosos por causa de Xesús. 6Pois o Deus que dixo *brille a luz no medio das tebras*, alumou nos nosos corazóns, para que se manifestase o coñecemento da gloria de Deus no rostro de Cristo.

7Mais levamos ese tesouro en vasos de barro. E así esa forza tan extraordinaria aparece como forza de Deus, e non nosa. 8Aprétannos por todas as partes, mais non nos esmagan; andamos en apuros, mais non desesperados;
9andamos perseguidos, pero non abandonados; derrúbannos, pero non nos rematan.
10Por todas as partes levamos no noso corpo a morte de Xesús, para que a vida de Xesús se manifeste tamén no noso corpo. 11Porque a nós, estando vivos, entrégannos decote á morte por causa de Xesús, para que tamén a vida de Xesús se manifeste na nosa carne mortal. 12E así a morte actúa en nós, e a vida en vós.

13Mantendo, con todo, o mesmo espírito de fe, segundo o que está escrito, *creo e por iso falo*, tamén nós cremos e por iso falamos. 14Porque sabemos que Aquel que resucitou a Xesús nos ha resucitar tamén a nós con Xesús, e nos ha colocar convosco onda el. 15Todo isto acontece por causa vosa, de modo que, ao estenderse a graza, se multiplique o número dos agradecidos, para gloria de Deus.

16Por iso non nos apoucamos: aínda que o noso exterior vai esmorecendo, o interior, todo o contrario, renóvase día a día. 17Os sufrimentos transitorios e leves prepárannos unha inmensa carga de gloria eterna por riba de toda medida. 18Non poñemos as nosas olladas nas cousas que se ven, senón nas que non se ven; porque as que se ven son efémeras, mentres que as que non se ven son eternas.

### Devezos de vida eterna

**5** 1Sabemos que, se a nosa morada terrestre –que vén ser coma unha cabana–, se derrubase, contamos cunha edificación de Deus, unha casa eterna no ceo, non feita por mans de homes. 2Por iso xememos na cabana actual, co desexo de vestirmos a morada celeste, 3pois así atoparémonos vestidos, non espidos. 4Os que vivimos nesta cabana, xememos oprimidos, porque non queremos quitar o que temos posto, senón poñer outra roupa por riba, de xeito que o mortal quedase absorbido pola vida. 5Quen nos dispuxo para isto foi Deus, que nos deu como garantía o Espírito.

6Así que estamos sempre cheos de ánimo, por sabermos que, mentres o corpo sexa o noso domicilio, vivimos coma desterrados lonxe do Señor, 7e seguimos camiñando, guiados pola fe, non polo que se ve. 8E con este ánimo, preferimos desterrarnos do corpo e habitar a carón do Señor. 9En todo caso, ora continuemos neste domicilio ora nos afastemos del, desexamos serlle gratos. 10Porque todos teremos que comparecer tal como somos perante o tribunal de Cristo, para que cada un recolla o seu merecido polo que teña feito mentres vivía no corpo: ben ou mal.

**4**, 4 As forzas do mal, coas súas ofertas, distraen a xente, de modo que non vexan a salvación que lles vén polo Evanxeo.
**4**, 6 Cf Xén **1**, 3.
**4**, 7 De xeito que ninguén poida presumir, coma se o froito da predicación dependese del (cf **12**, 7), e así a graza de Deus resplandeza na debilidade humana (**12**, 8-10).
**4**, 13 *O que está escrito*: o que se atopa na Biblia, neste caso, no Sal **116**, 10.
**4**, 16ss Aínda que o Apóstolo non procura o sufrimento, déixase purificar por el, coa alegre esperanza de acadar a gloria das realidades eternas.
**5**, 4 Despois de perder a morada terrea, precisamos a celestial, que colmará os nosos anhelos.
**5**, 5 O espírito é coma “a primeira entrega”. Téndoo a el, sabemos que o Señor nos dará a plenitude, pasando de vivir da esperanza a acadar unha realidade eterna (cf Rm **8**, 15-17. 23-25; Gál **4**, 6-7).

### A reconciliación con Deus, por Xesús

[11]Por iso, sabendo o respecto que se lle
debe ao Señor, procuramos convencer os ho-
mes, e xa que para Deus somos transparen-
tes, confío en que tamén o sexamos ante as
vosas conciencias.
[12]Non queremos outra vez recomendarnos
diante de vós: só darvos a oportunidade de
presumir de nós, de modo que teñades res-
posta para os que presumen das aparencias e
non do corazón. [13]Se perdemos o siso, foi por
Deus; e, se agora estamos cordos, é por vós.
[14]E o amor de Cristo o que nos preme,
cando pensamos que, ao morrer un por to-
dos, morreron todos; [15]El morreu por todos,
co fin de que os que viven xa non vivan para
si, senón para o que morreu e resucitou por
eles.
[16]Por iso, nós xa non apreciamos ninguén
conforme criterios mundanos; aínda que te-
ñamos coñecido a Cristo conforme eses cri-
terios, agora xa non o coñecemos así. [17]Polo
tanto, quen estea en Cristo, é unha criatura
nova: o que era vello, pasou. Vedes? Hai
unha realidade nova.
[18]E todo iso provén de Deus que nos recon-
ciliou consigo por medio de Cristo e nos en-
comendou o servizo da reconciliación. [19]Pois
Deus estaba en Cristo reconciliando o mundo
consigo, non levando conta dos delitos dos
homes e poñendo en nós a mensaxe da re-
conciliación. [20]Somos, logo, embaixadores
de Cristo; e é coma se Deus vos exhortase
por medio noso. Pedímosvolo por Cristo:
deixádevos reconciliar con Deus! [21]A aquel
que non tiña nada que ver co pecado, Deus
fixoo pecado por nós, para que nós, grazas a
el, nos volvésemos nel xustiza de Deus.

### Os apertos do ministerio apostólico

**6** [1]Como colaboradores seus, exhortámos-
vos a non desaproveitar a graza de Deus.
[2]Pois di El: *no tempo oportuno escoiteite;
en día de salvación acudinche*.

Pois agora é tempo oportuno, agora é día
de salvación.
[3]Nunca damos motivo de escándalo en
nada, para que o noso ofrecemento non se
poida censurar. [4]Ao contrario, acreditámonos
decote como servidores de Deus con tanto
como sufrimos: tribulacións, adversidades,
angustias, [5]golpes, prisións, tumultos, an-
gueiras, noites en vela, días sen comer, [6]ac-
tuando con limpeza, con siso, con paciencia,
con bondade, coa guía do Espírito Santo, con
amor sincero, [7]coa mensaxe da verdade e a
forza de Deus, empuñando na dereita e na es-
querda as armas da honradez, [8]tanto na honra
coma na afronta, tanto na boa coma na mala
sona. Pasamos por falsarios, e mais dicimos
a verdade; [9]pasamos por descoñecidos, e ben
que se nos coñece; pasamos por moribun-
dos, e mais ben vivos que estamos; pasamos
por destinados ao castigo, e mais nunca nos
executaron; [10]pasamos por xente triste, e ben
alegres que estamos sempre; pasamos por
pobres, e mais enriquecemos a moitos; pa-
samos por xente que non ten nada, e mais
témolo todo.
[11]Falámosvos francamente, corintios, abrí-
mosvos de todo o noso corazón. [12]Non é den-
tro de nós onde estades apertados; é, máis
ben, nas vosas entrañas. [13]Pois correspondede
vosoutros agora: xa que vos falo como fillos,
abrídevos tamén vós.

### As relacións cos pagáns

[14]Non vos xuntedes en parella desigual
cos infieis. Que ten que ver a rectitude coa
maldade? Ou é que poden andar xuntas luz e
escuridade? [15]Que sintonía pode haber entre
Cristo e Beliar? Pode o crente ser parceiro
do infiel? [16]Que consenso pode haber entre o
templo de Deus e mais os ídolos? Nós somos
templo de Deus vivo; así o dixo Deus: *hei
vivir e camiñar con eles; serei o seu Deus e
eles serán o meu pobo*. [17]Por iso di o Señor:
*saíde do medio desa xente, afastádevos, non*

**5**, 11 *O respecto que se lle debe ao Señor*: lit. "o temor do Señor". Equivale a sintonizar co que fai o home "temeroso de Deus", o que conta con Deus, para secundar a vontade divina.
**5**, 14ss Polo Bautismo, o cristián insírese en Xesús morto para erguerse con El e vivir a vida de resucitado (cf Rm **6**, 1-11). Vén ser así como unha nova criatura, xerada pola auga e o espírito (cf Xn **3**, 3-8) e froito do amor de Deus (Xn **3**, 16-17).
**5**, 21 A morte expiatoria de Xesús vén presentada aquí en paralelo coa figura do "servo de Iavé" empecatado sen ter culpa, pero que chegará a ver a luz e que xustificará as multitudes (Is **53**, 8-11).
**6**, 2 Is **49**, 8.
**6**, 14ss A perícope **6**, 14-**7**, 1, parece estar fóra de sitio, pois interrompe despois de **6**, 13 unha narración que tería a secuencia lóxica en **7**, 2. Algúns intérpretes chegan á conclusión de que a devandita perícope non é obra de Paulo, senón un escrito de carácter esenio, a xulgar pola semellanza na terminoloxía e nas ideas dos documentos de Qumrân (cf introd. ao N. T.).
**6**, 15 *Beliar* é un dos nomes do demo, empregado na literatura qumránica e rabínica. Vén significar "cousa de nada" (do heb. "beliiaal").
**6**, 16 Cf Lev **26**, 12; Ez **37**, 27.
**6**, 17 Cf Is **52**, 11; Ez **20**, 34.

*toquedes o que é impuro, e eu acollereivos.*
18*Serei un pai para vós e vós seredes para*
*min fillos e fillas, di o Señor que todo o sos-*
*tén.*

**7** 1Xa que tales promesas temos, meus amigos, limpémonos de toda inmundicia de corpo ou de espírito e completemos a santificación no temor de Deus.

### Cariño de Paulo polos corintios

2Facédenos un sitio no voso corazón: a ninguén ofendemos, a ninguén defraudamos, a ninguén explotamos. 3Non o digo para vos censurar: xa vos dixen que ides tan dentro dos nosos corazóns que estamos xuntos para vivir e mais para morrer. 4Teño moita confianza en vós e estou orgulloso de vós. Estou moi animado e desbordo alegría no medio de todas as nosas tribulacións.

5Certo que tampouco ao chegar a Macedonia tivemos acougo, senón ao contrario, tribulacións por todas as partes: cara a fóra, loitas; e cara a dentro, temores. 6Pero Deus, que lles dá alento aos abatidos, consoloume coa chegada de Tito. 7Vaia, coa chegada e cos ánimos que traía de vós, contándome da vosa saúde, das vosas mágoas, da vosa ansia por min, o que me alegrou aínda máis.

8Por iso, a pesar de que vos contristei coa miña carta, non teño pena. Se o sentía –ao ver que aquela carta vos contristou, aínda que foi momentaneamente–, 9agora alégrome, non de que vos contristásedes, senón de que esa tristeza vos levase ao arrepentimento. A vosa foi unha tristeza segundo criterios de Deus, así que non perdestes nada por culpa nosa. 10Pois unha tristeza segundo criterios de Deus produce un arrepentimento para a salvación, sen volta atrás, mentres que a tristeza por motivos mundanos produce a morte. 11Velaí canta ansia provocou en vós o contristarvos segundo criterios de Deus e mesmo con que desculpas e con que indignación, con que temor, con que saudade, con que emulación, con que escarmento demostrastes de todos os modos posibles que non tiñades culpas no asunto. 12Así que, se vos escribín, non foi en realidade nin polo ofensor nin polo ofendido; só quería que manifestásedes diante de Deus o interese que tedes por nós. 13E isto foi o que nos consolou.

Ademais desta satisfacción, alegrámonos moito máis aínda ao ver a alegría de Tito, a quen tanto tranquilizastes. 14Se en algo presumín de vós, non quedei mal: do mesmo modo que vos dixemos sempre a verdade, así tamén as loanzas que de vós lle fixen a Tito saíron certas. 15E o agarimo que vos ten, medra aínda máis, ao lembrar agora a obediencia de todos vós, e como o recibistes con sumo respecto. 16Alégrome de poder contar convosco para todo.

### Colecta para os cristiáns de Xerusalén

**8** 1Facémosvos sabedores, irmáns, da graza que Deus lles concedeu ás igrexas de Macedonia. 2No medio de moitas e duras tribulacións, a súa abondosa alegría e a súa extrema pobreza desbordaron nun derramo de xenerosidade. 3Dou testemuño de que, segundo os seus posibles e por riba deles, espontaneamente e 4insistentemente nos pediron o favor de poderen contribuír a axudar os outros cristiáns. 5E non só como esperabamos, senón que se ofreceron a si mesmos, ante todo ao Señor e despois a nós, por vontade de Deus, 6ata o punto de lle pedirmos a Tito que, xa que el a principiara, levase igualmente a bo termo entre vós esa obra de caridade.

7Xa que abundades en todo –en fe, en palabras, en ciencia, en interese por todo e en amor a nós–, que abundedes tamén nesta graza. 8Non é unha orde: só que, pola solicitude doutros, quede probada a autenticidade do voso amor. 9Ben sabedes o xeneroso que é o noso Señor Xesús Cristo: sendo rico, fíxose pobre por vós, para que vós vos fixésedes ricos coa súa pobreza.

10Nisto douvos un consello, pois convenvos: dado que o ano pasado tomastes a iniciativa –non só na execución, senón incluso na mesma decisión–, 11levade a termo agora a execución da iniciativa, de modo que, á pron-

**6**, 18 Cf 2 Sam **7**, 8. 14; Is **43**, 6. *Que todo o sostén*: lit. "todopoderoso" (cf Ap **1**, 8 e nota).
**7**, 5 ss S. Paulo non atopou en Macedonia (cf **2**, 13) o acougo que desexaba. Só cando encontrou a Tito en Filipos quedou tranquilo, ao recibir boas novas da comunidade cristiá de Corinto.
**7**, 8 ss Nova alusión á "Carta das bágoas" (cf nota a **2**, 3-4), que viñera provocada polo comportamento ruín dun corintio que ofendera ao Apóstolo (cf nota a **2**, 5-11).
**8**, 1 ss A sección **8**, 1-**9**, 15 trata da colecta en favor dos cristiáns de Xerusalén.

As comunidades cristiás de Macedonia, rebordando ledicia do Espírito Santo, a pesar da pobreza na que vivían, pediron que se lles deixase axudar aos cristiáns de Xerusalén (cf Feit **11**, 29-30; 1 Cor **16**, 1-4), que estaban nunha situación económica aínda máis apertada.
**8**, 4 O*s outros cristiáns*: lit. "...os santos" (cf nota a **1**, 1).
**8**, 6 *Esa obra de caridade*: lit. "esa graza". Trátase de algo bo en favor doutros: neste caso, da axuda aos cristiáns angustiados pola fame.
**8**, 9 Cf **5**, 21.

titude da decisión lle corresponda a prontitude na realización, conforme as vosas posibilidades: [12]pois se precede a boa disposición, acéptase con gusto o que se ten, non o que non se ten. [13]Non se trata de que vós pasedes estreitezas por aliviardes a outros, senón de que exista igualdade. [14]Neste momento a vosa abundancia pode remediar a carencia deles, para que a abundancia deles poida vir en auxilio da vosa carencia. Así haberá igualdade, [15]de acordo co que está escrito: *A quen recollía moito, non lle sobraba; e a quen recollía pouco, non lle faltaba*.

### Os delegados organizadores

[16]Doulle grazas a Deus porque puxo no corazón de Tito o mesmo interese por vós, [17]porque non só aceptou a miña petición senón que, con toda dilixencia, saíu para onda vós por decisión propia. [18]Mandamos con el o irmán tan soado en todas as igrexas polo anuncio que fai do Evanxeo; [19]e mesmo isto o elixiron as comunidades, para que fose o meu compañeiro de viaxe nesta obra de caridade, administrada por nós para gloria do Señor, e como proba da nosa dilixencia. [20]Así evitamos que ninguén nos poida criticar pola administración desta farturenta colecta, [21]pois procuramos o que é bo, non só diante do Señor senón tamén diante dos homes.

[22]Mandámosvos tamén con eles outro irmán noso; del temos comprobado que é moi espelido en variados asuntos, e agora véselle aínda, se cadra, máis interese pola confianza que ten en vós.

[23]No que se refire a Tito, é compañeiro meu e colaborador nos vosos asuntos; os outros irmáns son delegados das igrexas e honra de Cristo. [24]Dádelles, logo, probas do voso agarimo e xustificade ante eles e ante as súas comunidades o noso orgullo por vós.

### Motivos da colecta

**9** [1]Excuso escribirvos máis sobre esta colecta en favor dos outros cristiáns. [2]Coñezo a vosa boa disposición, da que me gabo diante dos macedonios, para a vosa honra, dicíndolles que Acaia ten feitos todos os preparativos xa desde o ano pasado, e que a vosa ansia estimulou a moitos máis. [3]Con todo, mándovos os irmáns, para que o noso orgullo por vós non sexa desmentido nese particular senón que, como dicía, esteades preparados: [4]non sexa que, se os macedonios que vaian comigo vos atopan sen preparar, nós –e non digamos vós– quedemos mal, por termos esa confianza. [5]Por iso me pareceu necesario pedirlles aos irmáns que fosen indo diante onda vós, para que teñan preparado de antemán o xeneroso donativo que prometestes, pois no caso de estar listo, será expresión de xenerosidade, e non de mesquindade.

[6]Lembrade aquilo: *quen sementa con mesquindade, tamén con mesquindade recolle; e quen sementa con xenerosidade, tamén con xenerosidade recolle*. [7]Que cadaquén dea segundo o que teña decidido no corazón, non contra gusto nin por compromiso, que Deus ama ao que dá con alegría. [8]Deus, pode, de certo, darvos con largueza toda clase de grazas, de xeito que, tendo sempre en todo o suficiente, aínda vos sobre para todo tipo de boas obras, [9]pois está escrito: *reparte esmola aos pobres, a súa xustiza permanece para sempre*.

[10]O que fornece a semente ao sementador e proporciona pan para a comida, ha multiplicar tamén a vosa sementeira e fará medrar o froito da vosa xustiza. [11]Seredes ricos en todo, para poderdes facer todo tipo de caridades, que producirán por medio de nós gratitude a Deus.

[12]Porque a prestación desta axuda non só dá remedio ás necesidades dos outros cristiáns, senón que fai ademais que moitos non cansen de darlle grazas a Deus. [13]Pola comprobación deste servizo loarán a Deus pola vosa obediencia ao profesar o Evanxeo de Cristo e pola expresión xenerosa da vosa solidariedade con eles e con todos. [14]E, cando recen por vós, manifestarán a benquerenza que vos teñen, pola abundante graza de Deus en favor voso. [15]Grazas sexan dadas a Deus, polo sublime regalo que nos deu.

**8**, 13 Nisto fora exemplar a Igrexa de Xerusalén (cf Feit **2**, 44-45; **4**, 32-35).
**8**, 15 Cf Éx **16**, 18.
**8**, 21 Pr **3**, 4 (LXX).
**9**, 1-15 É unha segunda misiva, independente da anterior, escrita por Paulo para organizar a colecta, e para que servira de presentación dos delegados organizadores e de motivación cristiá para ese compartir os bens cos "santos" de Xerusalén. Esta segunda misiva seguramente ía dirixida á comunidade corintia, e por iso foi introducida no medio da correspondencia a Corinto (cf Introd.).
**9**, 6 Pr **11**, 24-25.
**9**, 7 Pr **22**, 8 (na versión dos LXX).
**9**, 9 Sal **111**, 9.
**9**, 15 Ese regalo é a salvación que nos vén por Cristo e que resplandece nas boas disposicións que teñen os cristiáns.

### A autoridade de Paulo

**10** [1]Eu, Paulo en persoa, pídovos isto, pola paciencia e benignidade de Cristo: eu, que na vosa presenza parezo coitado pero que, ausente, son ousado convosco. [2]Pídovos que, cando vaia, non teña que poñerme atrevido coa firmeza que creo deber usar con algúns que nos acusan de camiñar con miras humanas. [3]Aínda que camiñamos como homes, non actuamos movidos por miras humanas. [4]Porque as armas do noso combate non son terreais: son poderes de Deus, capaces de abater fortalezas; destruímos sofismas [5]e toda altivez que se ergue contra o coñecemento de Deus; encadeamos todo pensamento á obediencia, someténdoo a Cristo; [6]e estamos prontos a vingar toda rebeldía, unha vez que a vosa submisión sexa cumprida.

[7]Mirade ben! O que estea convencido de ser de Cristo, que teña en conta tamén que nós somos tan de Cristo coma el. [8]E, aínda que teña que alardear un pouco de máis da nosa autoridade (que o Señor nos concedeu para edificación e non para destrución vosa), non me hei avergonzar; [9]así non darei a impresión de querervos amedrentar coas cartas, [10]porque algúns din: "Por carta é duro e enérxico, pero en persoa é coitado e non fala ben". [11]Pense ese tal que, como somos de palabra nas cartas estando ausentes, así imos ser de obra cando esteamos presentes.

[12]Xa non nos atrevemos a equipararnos ou a compararnos con algúns deses que tanto se chufan. Pero a eses, con tanto se poñeren de modelos de si mesmos e con tanto se compararen consigo mesmos, xa non lles goberna a cabeza.

[13]Pola nosa parte, non nos queremos gabar de máis, senón conforme a medida que estableceu Deus para nós, a medida de chegar ata vós. [14]Non é como se non chegásemos a vós e tivésemos que nos estirar, pois fomos os primeiros en chegar a vós co Evanxeo de Cristo. [15]Nin nos gloriamos de máis nin nos gloriamos á conta de traballos alleos; pero tiñamos a esperanza de que, segundo se ía espallando a fe entre vós, iámonos multiplicar máis e máis, conforme a nosa idea, [16]para levar o Evanxeo alén dos vosos eidos, sen presumir do traballo alleo meténdonos en terreo xa cultivado.

[17]*O que presume, que presuma do Señor*, [18]porque non queda aprobado o que se pon unha alta cualificación, senón aquel a quen lla pon o Señor.

### Autodefensa de Paulo

**11** [1]Ai, se me aturásedes un pouco de tolaría! Aturádema, veña! [2]É que sinto celos de vós, os celos de Deus, pois quíxenvos desposar cun único marido, presentándovos a Cristo coma unha virxe pura. [3]Temo que, así como a serpe seduciu a Eva coa súa astucia, así tamén se trastornen os vosos criterios, arredándovos da sinceridade que lle debedes a Cristo. [4]Porque se vos vai alguén anunciar outro Xesús diferente do que vos anunciamos nós, ou se recibides un espírito diferente do que recibistes, ou un evanxeo diferente do que aceptastes, vós aturádelo coma se nada.

[5]Pois eu non me considero menos do que eses superapóstolos. [6]Terei pouca elocuencia pero non pouca ciencia, e téñovolo demostrado en todo e de moitos xeitos. [7] Ou é que fixen mal en abaixarme para elevarvos a vós, anunciándovos de balde o Evanxeo de Deus? [8]Para podervos servir a vós, tiven que despoxar outras igrexas, aceptando unha paga. [9]E, mentres estiven entre vós, por moitos apertos que pasase, non fun carga para ningún: os irmáns que viñeron de Macedonia subvencionaron as miñas necesidades; gardeime e gardareime de servos gravoso en nada. [10]Pola verdade de Cristo que hai en min: dígovos que esta honra non ma vai quitar ninguén nas rexións de Acaia. [11]Por que? Porque non vos quero? Ben o sabe Deus!

[12]O que veño facendo, seguireino a facer, co fin de privar a eses do pretexto que buscan para se poderen gloriar de ser iguais ca nós. [13]Os tales son falsos apóstolos, traballadores trampulleiros, disfrazados de apóstolos de Cristo. [14]Pero non é estraño, porque o mesmo Satanás se disfraza de anxo da luz; [15]non é por demais que tamén os seus servidores se disfracen de servidores da xustiza. Pero a fin desa xente ha ser conforme as súas obras.

**10**, 2 *Camiñar con miras humanas*: lit. "camiñar segundo a carne".
**10**, 7 S. Paulo está queixoso dalgúns que tentan arredar do apóstolo a comunidade corintia (cf nota a **3**, 1ss). Este ton polémico vaino conservar ata o remate da carta.
**10**, 15 *Conforme a nosa idea*: lit. "conforme a nosa regra".
**10**, 17 Xer **9**, 22-23; cf 1 Cor **1**, 31.
**11**, 2 A idea da relación Cristo-Igrexa, que será tratada en Ef **5**, 21-31, ten os seus precedentes no "matrimonio espiritual" entre Deus e o pobo escolleito do A. T. (cf Is **50**, 1; Os **1-3**).
**11**, 5 *Superapóstolos*: sarcasmo para designar aos xudaizantes, que desfán o seu traballo apostólico. O verdadeiro rostro deses amósase con transparencia no v. 13.
**11**, 9 Foi esta unha acusación moi dura para Paulo: non se poñía en dúbida a autenticidade do seu ser apóstolo, senón que podía tirar por terra aquela importante acción da colecta como sinal de comuñón cos cristiáns de Xerusalén (cf **12**, 16-18).

### As súas tribulacións polo Evanxeo

16Repito: que ninguén coide que eu son
un insensato. E, se non, se por insensato me
tedes, deixade que tamén eu alardee un pou-
co. 17O que vou dicir, non o digo conforme o
Señor, senón coma na tolaría, no suposto da
presunción. 18Xa que tantos se gaban de glo-
rias humanas, vou presumir eu tamén, 19que
vós, tan sensatos, soportades con gusto os
insensatos. 20Soportades que vos escravicen,
que vos devoren, que vos exploten, que vos
traten con arrogancia, que vos dean labaza-
das. 21Con vergonza o digo: somos, de certo,
demasiado febles...

Pero no que outro se atreva –e dígoo na
tolaría–, eu tamén me atrevo. 22Que eles son
hebreos? Eu tamén. Que son israelitas? Eu
tamén. Que son eles da semente de Abra-
ham? Eu tamén. 23Que son servidores de
Cristo? Vou dicilo desvariando: pois eu sono
máis ca eles.

Gánolles en traballos, gánolles en prisións;
sen comparanza en malleiras e en perigos de
morte. 24Cinco veces recibín dos xudeus as
corenta azoutas menos unha; 25tres veces me
flaxelaron, unha vez me apedraron; tres ve-
ces naufraguei, chegando a pasar unha noite
e un día perdido no mar. 26En camiñadas fre-
cuentes, con perigos de ríos, perigos de sal-
teadores, perigos da parte dos da miña raza,
perigos da parte dos xentís, perigos na cida-
de, perigos no despoboado, perigos no mar,
perigos entre falsos irmáns. 27En traballos e
canseiras, en abondas noites sen durmir, con
fame e sede, a miúdo sen comer, con frío e
sen roupa que vestir. 28E amais doutras cou-
sas, a miña angueira de cada día: a preocupa-
ción por todas as igrexas. 29Quen esmorece,
sen que esmoreza eu? Quen sofre escándalo,
sen que eu me abrase?

30Se hai que presumir, presumirei da miña
fraqueza. 31O Deus e Pai do noso Señor Xe-
sús –que é bendito polos séculos– ben sabe
que non minto.

32En Damasco, o gobernador do rei Are-
tas tiña baixo vixilancia a cidade toda, para
me prender; 33pero descolgáronme por unha
fiestra da muralla, metido nun cesto, e así fu-
xinlle das mans.

### As revelacións concedidas

**12** 1Xa que toca presumir –aínda que non
está ben facelo–, acudirei ás visións e
revelacións do Señor. 2Sei dun cristián a quen
hai catorce anos (se foi no corpo ou fóra do
corpo non o sei, iso sábeo Deus) levaron ata
o terceiro ceo. 3E sei que a ese home (se foi
no corpo ou fóra do corpo non o sei, iso sá-
beo Deus) 4o levaron ao paraíso e oíu pala-
bras inefables, que non se lle permiten pro-
nunciar ao ser humano.

5De tal home presumirei. Pola miña parte,
con todo, só me gabarei das miñas fraquezas.
6Aínda que, se eu quixer presumir, non sería
un insensato, pois só diría a verdade, mais
desisto para que ninguén me valore por enri-
ba do que ve ou oe de min.

7E, debido á grandeza das revelacións, por
iso, para que non teña soberbia, espetóuseme
un aguillón na carne: un emisario de Satanás,
para que me pegue lapotes, e así non teña or-
gullo. 8Por tres veces pedinlle ao Señor que o
arredase de min, 9pero respondeume: "Ché-
gache coa miña graza: a forza vese cumprida
na fraqueza". Daquela presumirei con gusto
das miñas debilidades, para que así resida so-
bre min a forza de Cristo. 10E por iso gozo
nas fraquezas, nas afrontas, nas necesidades,
persecucións e angustias que sufro por Cris-
to, porque, cando estou débil, entón é cando
son poderoso.

11Sei que acabo de falar aloucadamente:
pero fostes vós os que me forzastes a iso.
Era eu quen debía ser acreditado por vós,
pois, aínda que eu non sexa ninguén, en nada
fun menos do que eses superapóstolos. 12Os
signos do apóstolo realizáronse entre vós na
constancia a toda proba e nos sinais, prodi-
xios e milagres. 13En que fostes vós inferiores
ás demais igrexas? Só nisto: en que non vos
ocasionei gastos. E perdoádeme a palabra...

### Preparando a próxima visita

14Ben. Xa estou preparado para ir por
terceira vez onda vós, e tampouco agora non
vos serei gravoso, que eu non busco as vosas
cousas: eu búscovos a vós, pois non son os
fillos os que teñen que xuntar para os pais,
senón os pais para os fillos. 15Pola miña par-

**11**, 22 Os adversarios de Paulo eran de raza xudía, a xulgar polas afirmacións do apóstolo.
**11**, 32s Cf Feit **9**, 23-25.
**12**, 7 *O aguillón* que se lle espetou na carne é probablemente unha enfermidade que non o deixa en paz (cf Gál **4**, 13-15).

**12**, 9s: Paulo, quen fora fariseo, ten na mente a postura xudaizante, de tipo fariseo, que busca a xustificación diante de Deus polo cumprimento da Lei mosaica. O home que vén cumprindo os 613 preceptos da lei, vólvese orgulloso e seguro das súas forzas, quedando realmente na penumbra a graza de Deus.

te, con gusto me gastarei e desgastarei polas vosas vidas. Pero, por querervos eu máis da conta, ídesme vós querer menos?

16"Ben –pensarán algúns–, efectivamente eu non vos fun gravoso; pero, como son moi renarte, atrapeivos con engano". 17Vexamos. É que eu vos explotei por medio dalgún dos que vos mandei? 18Pedinlle a Tito que fose e con el mandei outro irmán. Será que Tito vos explotou? Logo non actuamos os dous co mesmo criterio? Non seguimos os mesmos pasos?

19Seguro que hai xa un pouco que coidades que nos estamos xustificando diante de vós. Pois non: falamos diante de Deus e como cristiáns. E todo é, meus queridos, para a vosa edificación. 20Temo que, ao chegar, non vos atope tal como eu quería, e que tampouco vós non me encontredes a min tal como desexades. Temo que haxa discordias, receos, incomodidades, rivalidades, difamacións, murmuracións, soberbias, desordes. 21Teño medo de que, cando vaia, o meu Deus me aflixa outra vez aí diante vosa e teña que lamentar que moitos dos que xa antes pecaran, non se arrepentiron da súa inmoralidade, libertinaxe e desenfreo.

**13** 1Vou ir por terceira vez onda vós. *Todo asunto se resolverá baseándose na palabra de dúas ou tres testemuñas*. 2Xa antes volo dixen, cando estiven entre vós a segunda vez, e repítovolo con tempo agora que estou ausente aos antigos pecadores e aos demais todos: cando vaia aí outra vez, non vou andar con miramentos. 3Será a proba que buscades de que fala por min Cristo, que non é débil convosco, senón que demostra o seu poder entre vós. 4A el crucificárono pola súa debilidade pero agora vive polo poder de Deus. E nós, que compartimos a súa debilidade, viviremos con el polo poder de Deus en favor voso.

5Examinádevos a vós mesmos, para ver se estades na fe; poñédevos á proba. Ou non vos decatades de que Xesús Cristo está entre vós? A non ser que esteades reprobados...

6Espero, con todo, que recoñezades que a nós non nos reprobaron.

7Pedímoslle a Deus que non vos fagades mal ningún: non por quedarmos nós ben, senón para que vosoutros practiquedes o que é bo, aínda que nós quedemos reprobados.

8Porque contra a verdade non podemos nada, pero si a favor da verdade. 9Por iso alegrámonos de ser febles, con tal de que vós sexades fortes. O que pedimos é a vosa perfección. 10Por iso mesmo vos escribo estas cousas mentres estou ausente, para non ter que ser tallante cando estea presente, coa autoridade que o Señor me deu para construír, non para derrubar.

### Despedida

11Do resto, irmáns, estade alegres, procurade a perfección, dádevos azos, andade de acordo, vivide en paz, e o Deus do amor e da paz estará convosco. 12Saudádevos uns aos outros co ósculo santo. Mándanvos saúdos todos os cristiáns.

13Que a graza do Señor Xesús Cristo, o amor de Deus e a comuñón do Espírito Santo vos acompañen a todos.

**12**, 16-18 Cf a nota a **11**, 9.
**12**, 21 Os veciños de Corinto non eran, de certo, un exemplo de vida moral e algúns dos cristiáns caerían na tentación de considerar normal a vida licenciosa daquela vila.
**13**, 1 Dt **19**, 15; cf Mt **18**, 16.
**13**, 3 A carta remata cunha expresión semellante á do comezo (**1**, 2), para significar os desexos do apóstolo para os corintios: que gocen da paz e do amor que vén de Deus.

# INTRODUCIÓN Á CARTA AOS GÁLATAS

## 1. Destinatarios

*Gálatas chamábanlles antigamente aos galos, que na lingua deles se chamaban celtas. Unha póla da familia celta chegou de Centroeuropa no 279 a. C. a Delfos. Alí derrotáronos e eles espalláronse. Pouco e pouco na Asia Menor fóronse xuntando algunhas tribos, que lle puxeron á bisbarra o nome de Galacia, capital Ankyra, hoxe Ankara. Asoballados por Mitrídates VI, no 88 aliáronse con Roma, que crearía a provincia imperial de Galacia, na que metía terras que os gálatas foran conquistando (Frixia, Pisidia, Licaonia...); mais eles seguíronlle chamando Galacia só ao territorio inicial.*

*Paulo levoulles o Evanxeo a uns e mais aos outros. Polo visto aínda que non todos pensan igual esta carta circular mandóullela aos gálatas "xenuínos" entre o ano 54 e o 57 d. C.*

*A pureza racial entre eles era máis ben pouca. Livio di que xa levaban 200 anos recastados dos gregos: viaxaran moito; cadraban en camiño das grandes rutas comerciais; foran parar ao berce do culto de Attis e Cibeles; estaban a piques de entrar no xudaísmo; e agora son destinatarios dunha carta escrita en grego.*

*A tradicional relixiosidade e a fe céltica na inmortalidade, a fe dos indíxenas en ritos da veneración (nos que se falaba da anual resurrección de Deus), fixeron doada a predicación cristiá da resurrección, que recibiron con grande entusiasmo (**4**, 13-15).*

## 2. Ocasión da carta

*Por unha tradición moi antiga os xudeus practicaban a circuncisión. Co tempo, a circuncisión volvérase o rito de entrada nese pobo, o distintivo dos xudeus, o símbolo nacional do "Pobo de Deus".*

*Entre os gálatas cristiáns algúns andan a dicir que, para ser mellor cristián, cómpre que todos se circunciden: era unha proposta que facían os cristiáns de nacionalidade xudía e que lles viría moi ben, porque grupos de xudeus intransixentes (e Paulo fora un deles: cf **1**, 13-14; **6**, 12) perseguían este grupo que estaba a nacer, o grupo cristián. Perseguíano porque para eles era unha desviación do sistema político-relixioso que era o xudaísmo, porque era un "grupo revisionista", unha seita perigosa, unha deformación da verdadeira esencia xudaica.*

*Algúns gálatas circuncídanse para estaren a ben con todos, e ben calzados polo que poida pasar. Despois de todo, se Israel era o "Pobo de Deus", tampouco era unha vergonza ser unha "tendencia" dentro do xudaísmo. E doutrina moi clara sobre isto non a había: Pedro e mais o Concilio de Xerusalén dixeran que se podía ser cristián sen ser xudeu; pero Pedro e os daquel Concilio eran xudeus; ser xudeu, se cadra, era unha maneira mellor de ser cristiáns. E, por outra parte, así librábanse de paus.*

## 3. Doutrina

*a) Pero a Paulo non lle van as componendas. El, que fora dos perseguidores da "herexía cristiá", sabía que o cristianismo desprezaba radicalmente o xudaísmo; pero comprendeu despois que a salvación estaba naquel e non neste: agora sabe mellor ca ninguén que no lerio da circuncisión se xoga moito máis ca unha tradición folclórica, por moi respectable que sexa; sabe que aquí xoga o cristianismo a consciencia que ten de si mesmo e, polo tanto, o seu futuro; agora sabemos que se xogaba o futuro da consciencia relixiosa no mundo, porque salvan os ritos relixiosos ou salva Deus? Conquista o ceo Prometeo ou vence Deus a nosa invencible miseria? E, como actitude nosa, cómpre respectar un código ou cómpre ter fe?*

*Se salvarse é superar as dúas grandes contradicións humanas, a maldade (pecado) e a morte, nada salvará o home; o home, preso na súa miseria conxénita, non se pode salvar a si mesmo. Só Deus o salvará. Toda relixión que chegue, como chegara a xudaica, a non ser máis ca un código de ritos, é un engano para que pique o peixe: crea a sensación de ser perfecto e, polo tanto, acredor de Deus, crea a soberbia babilónica de salvarse "a pulso"; crea a prometeica esperanza de vencer a propia maldade e a propia morte.*

*Colocar o centro da relixión na fe é reformar todas as relixións pasadas e futuras, non só a xudaica. Por iso o cristianismo é radicalmente novo e actual (a cultura de hoxe asume moitas veces o papel das antigas relixións). Por iso a mensaxe cristiá é unha perenne reforma relixiosa.*

*Son falsas, falsas esperanzas, opio en definitiva, todas as relixións (e mesmo o cristianismo), sempre que caen na tentación do rito*

*máxico e "salvador" e na soberbia dos "santos" e escolleitos, porque arredan a persoa do verdadeiro camiño. Por esa constante desvalorización de todos os sistemas é subversivo o cristianismo, tanto daquela coma hoxe.*

*Querer disimular a ilegalidade do cristianismo, reducilo a "tendencia" da propia sociedade (xudaica ou non) para non ter problemas co Estado (**6**, 12) pode ser cómodo, pero é traizoar a verdade. Ou perdemos o medo a dicir que o xudaísmo é inútil (**2**, 16) e mesmo un criadeiro de pecadores (**3**, 10. 13) ou perdemos a ocasión de acertarmos co camiño polo que o home pode saír da súa miseria. Si, xudaísmo deformado e cristianismo puro son incompatibles. Tiña por que perseguilo, cando Paulo o perseguía, e ten por que impedir a confusión, agora que a impide. Os que se circunciden, rompen con Cristo (**5**, 4). Se o cristianismo renuncia á súa orixinalidade, Cristo morreu para nada (**2**, 21). Paulo é a conciencia da Igrexa nacente.*

*b) O ser humano non pode saltar fóra das súas propias limitacións. Cristo, resucitando, saltou. Cómpre que nos unamos a el pola fe.*

*Claro que a fe non é un novo mérito, nin un novo rito, senón unha actitude vital que ten como síntoma o amor. E o amor ditará en cada caso, en cada época, en cada cultura, en cada país, en cada circunstancia o que cómpre facer no camiño da salvación. O resto son normas culturais que, como a tradición xudaica, quedan desvalorizadas (**5**, 6), postas no seu sitio: por veces serán expresións do amor e está ben someterse a elas (como Cristo se someteu ás xudaicas: Mt **5**, 17) e outras veces serán expresións da soberbia ou do odio e haberá que loitar para eliminalas.*

**4. Estilo**

*Carta de estilo intricado por estar escrita con xenio, dunha sentada; por ser polémica; por estar ditada por un home de formación rabínica, afeito a discorrer con métodos moi pouco parecidos aos nosos, e por non ter o ben tecido esquema dun ensaio. Disque lle serviu de bosquexo para a que lles mandaría despois aos de Roma: tratan o mesmo e vital problema.*

**5. Lugar e data**

*Hai moitas hipóteses sobre ambas as cuestións. Que a escribiu Paulo ninguén o dubida, practicamente. Parece seguro que foi en Éfeso, e que foi antes da Carta aos Romanos (coa que ten moito parecido). A data probable parece ser o ano 55/56, durante a súa terceira viaxe misional.*

**6. Estrutura**

6.1. *Saúdos e problemas: **1**, 1-9.*

6.2. *Sección autobiográfica. O exemplo de Paulo: **1**, 10-**2**, 21.*

6.3. *Sección doutrinal. A xustificación vén pola fe: **3**, 1-**5**, 12.*

6.4. *Sección exhortativa: vivir a liberdade no espírito: **5**, 13-**6**, 10.*

6.5. *Despedida: **6**, 11-18.*

# CARTA AOS GÁLATAS

## ENCABEZAMENTO
## SAÚDOS E PROBLEMAS

**1** [1]Paulo, nomeado apóstolo non por homes
nin por encomenda humana senón por encomenda de Xesús Cristo e de Deus Pai, que o resucitou de entre os mortos, [2]e mais os irmáns todos que están comigo, ás igrexas de Galacia:

[3]Desexámosvos a graza e a paz que veñen de Deus, Pai noso, e mais do noso Señor, Xesús Cristo, [4]quen, conforme ao plan do noso Deus e Pai, se entregou polos nosos pecados, para nos arrincar deste mundo ruín en que vivimos. [5]Que el sexa eternamente glorificado. Amén!

**Non hai máis Evanxeo ca un**

[6]Chámame moito a atención que así, tan correndiño, desertedes de quen chamou por vós á graza de Cristo, para vos facerdes doutro evanxeo. [7]Non hai esoutro evanxeo! O que hai é que algúns vos andan a quentar a cabeza coa idea de lle dar outro xeito ao Evanxeo de Cristo. [8]Pois mirade: Malia quen vos predique un evanxeo para engadir ao que vos predicamos nós, aínda que fósemos nós mesmos ou un anxo baixado do ceo! [9]E volvo dicir o mesmo que vos dixen: a quen vos vaia cun evanxeo para engadir ao que recibistes, botádeo fóra!

[10]Que! Intento eu agora quedar ben cos homes ou con Deus?; ou é que loito por compracer os homes? Se a estas alturas aínda estivese procurando compracer os homes, non sería un servo de Cristo.

## SECCIÓN AUTOBIOGRÁFICA: O EXEMPLO DE PAULO

**Porque o manda Cristo en persoa.**
**A conversión de Paulo.**

[11]Porque fágovos saber, irmáns, que o Evanxeo que eu predico non é cousa de homes, [12]xa que nin o recibín nin o aprendín de home ningún, senón que mo revelou Xesús Cristo. [13]Si: vós tedes oído falar das miñas andanzas de cando estaba no xudaísmo, do furor con que dera en perseguir a Igrexa de Deus, [14]e de como adiantaba eu no xudaísmo máis ca moitos da miña raza e do meu tempo, porque era moito máis fanático das tradicións dos meus devanceiros.

**1**, 1-3 *Graza e paz*: se o lector compara con outras cartas de Paulo (Rm **1**, 7; 1 Cor **1**, 2...), decatarase do frío e polémico comezo desta carta, porque xa de entrada vai á cerna da cuestión, plantando diante a súa discutida autoridade de apóstolo.

*Apóstolo*: véxase a nota a Rm **1**, 1. Os xudaizantes desautorizaran a Paulo co gallo de que non convivira con Cristo condición esixida para substituír a Xudas: cf Feit **1**, 21-22, e que aínda o bautizara Ananías.

Por iso Paulo ten présa por clarexar que el é un mandado de Deus ("nomeado non por..."): foi Cristo resucitado (**1**, 11-16; 1 Cor **9**, 1), sen intermediarios ("non por encomenda de..."), o que o mandou predicar a resurrección e a nosa vida. É tan apóstolo coma os demais.

**1**, 4 *Mundo*: para Paulo, que é semita, "mundo" non é un sitio (Cristo dixo "non che pido que os quites do mundo": Xn **17**, 15) como para un grego, senón un "tempo", unha situación. Neste sentido hai dous "mundos", dúas maneiras de se situar ante o feito histórico de Cristo, dous *aiones* que loitan dentro do home: "o mundo de hoxe", é dicir, a situación do home que non comprendeu nin acolleu a Cristo, e "o mundo vindeiro", a situación do home ao que Cristo libera de todas as contradicións, incluída a morte. Cadaquén está no "mundo" que corresponda á súa postura ante Cristo, que nos vén salvar. Nesta loita a vitoria está da parte de Cristo, vencedor da morte; pero vivimos en tempo de merecer: xa somos fillos, pero aínda non herdeiros.

**1**, 7 *Algúns*: para falar dos que lle levan a contra, Paulo case sempre di "algúns", sen chamalos polo seu nome (Rm **3**, 8; **15**, 12). Eses "algúns" non deixaban de ser cristiáns. O único que facían era dar unha versión revisada do evanxeo oficial: algo moi parecido, un algo máis. Por iso o risco de confusión era meirande: ese "suplemento" acaba falseando tanto o evanxeo, que xa non é o Evanxeo de Cristo, senón algo híbrido que destrúe a orixinalidade cristiá (cf Introd.).

**1**, 10 A Paulo seríalle moito máis doado non ter que se encarar con ninguén e levarse ben con todos. Pero "algúns" acusábano tamén de que era un compoñedor (2 Cor **3**, 1 e 1 Tes **2**, 4). Interpretando aquilo de "facerse grego cos gregos" non como o que é (desacralización das culturas: todas igualmente respectables), senón como que el era un oportunista, que todo lle daba igual con tal de ter a xente de man e facer seguidores. Con anatemas –di aquí– non se engaiola a ninguén.

**1**, 11 Primeira proba da afirmación do v. 1: apóstolo, por encomenda directa de Cristo. Foi Cristo o que se lle descubriu no camiño de Damasco (Feit **9**, 3-20). Mais agora di algo que non dixera: a miña doutrina non a recibín de ningún home. Que doutrina? Que Cristo veu salvar a todos, xudeus ou non, con tal que teñamos fe nel.

15Mais cando a Aquel, que xa desde o seo
da miña nai me puxera á parte e chamou por
min pola súa graza, 16lle compraceu revelar-
me o seu Fillo, para que volo predicase aos
non xudeus, eu –sen lle pedir consellos á
carne nin ao sangue, 17sen tan sequera subir
a Xerusalén onda os que en ser apóstolos xa
me levaban anos–, de hoxe para mañá, re-
tireime á Arabia, de onde volvín de novo a
Damasco.
18De alí a tres anos subín a Xerusalén para
ir coñecer a Pedro e cabo del fiquei uns quin-
ce días. 19E non vin ningún apóstolo máis,
fóra de Santiago, o parente do Señor. 20Así
Deus me salve, como non vos minto nisto
que vos escribo! 21Despois, chegueime ás te-
rras de Siria e Cilicia. 22Ora, as comunidades
cristiás de Xudea non chegaron a coñecerme
de vista, 23só sentiran dicir: "Disque o que
antes nos perseguía, agora predica a fe que
asoballaba"; 24e, por isto meu, glorificaban a
Deus.

### Porque na asemblea de Xerusalén recoñeceron o que predica

**2** 1Andando o tempo, á volta de catorce
anos, subín outra vez a Xerusalén con
Bernabé, levando tamén comigo a Tito.
2Deume a alma que tiña que ir alá. Daquela,
a porta pechada, sometín o Evanxeo que vos
predico aos non xudeus, ao xuízo dos que
eran algo: non fose que estivese correndo ou
correse ás toas. 3Mais nin tan sequera obriga-
ron a Tito, que ía na miña compaña e que era
grego, para que se fixese circuncidar: 4a pe-
sar dos falsos irmáns que afectuosamente se
viñeron meter polo medio, para fiscalizaren
a liberdade que nós temos en Cristo Xesús e
para nos escravizar. 5Pois ben, para que es-
teades seguros na verdade, non lles consenti-
mos ao seu asoballamento nin un instante.
6E dos que tiñan autoridade...(a min non
me fai diferenza o que foron noutros tempos,
que Deus non ten ningún aquel polo prestixio
do home), pois tampouco eses que eran algo
non me impuxeron cousa ningunha. 7Moi
polo contrario, cando viron que a min se
me encomendara a evanxelización dos non
circuncidados, como a Pedro a dos circun-
cidados 8(pois o que capacitou a Pedro para
apóstolo dos circuncidados tamén me capa-
citou a min para apóstolo dos non xudeus),
9e cando recoñeceron a graza que se me con-
cedera, van Santiago, Pedro e mais Xoán (os
piares coma quen di) e déronnos a man a min
e mais a Bernabé como sinal de solidariedade.
De xeito que evanxelizarvos aos non xu-
deus correse pola nosa conta; e evanxelizar
os circuncidados, pola deles. 10Soamente nos
mandaron que mirásemos polos pobres: cou-
sa que sempre eu procurei facer.

### Porque defendeu o seu sentir, mesmo fronte a Pedro (en Antioquía)

11Mais, cando Pedro veu a Antioquía, arre-
púxenme a el na súa mesma cara, porque o
merecera. 12Si, porque antes de chegaren uns
poucos mandados de Santiago, Pedro comía
cos non xudeus. Ah, mais nisto chegan os
propios e el arredábase e poñíase á parte, por
medo dos circuncidados. 13E os outros xu-
deus empezaron a actuar coma el: tanto que
o mesmo Bernabé se me deixou arrastrar na-
quela comedia.
14Así que cando vin que, conforme á ver-
dade do Evanxeo, xa non camiñaban como
é debido, díxenlle a Pedro á vista de todo o
mundo: "Se ti, con seres xudeu, vives coma
se non o foses, como é que lles fas seguir
os costumes xudaicos aos que non son xu-
deus?".

### Consecuencias doutrinais

15Nós somos de berce xudeu e non peca-
dores de devanceiros pagáns: 16así e todo,
como sabemos moi ben sabido que ninguén
se xustifica polas obras da Lei senón pola fe
en Xesús Cristo, chegámonos tamén nós á
fe en Cristo Xesús, para sermos xustificados
pola fe en Cristo e non polas obras da Lei,
porque polas obras da Lei *non se ha xustifi-
car ninguén*.
17Ben, pero se nós, que andamos procuran-
do ser xustificados en Cristo, nos atopamos
aínda pecadores, será Cristo un criado ao ser-
vizo do pecado...?

**2**, 5 *Seguros na verdade*: a grande orixinalidade do cristianismo –esa nova luz que ilumina o camiño do home, a idea de que o ser humano non pode superar en por si as súas limitacións, que nin con ritos nin con nada se pode salvar, que é Deus o que o creou e o que o salvará– é unha rosa que está murchando nas mans dos que precisamente a teñen que cultivar. Os gálatas quérense circuncidar; e circuncidarse é dicir que o importante para se salvar son as cerimonias xudaicas: é matar a rosa que abrocha. Non parecen os primeiros cristiáns estar á altura da súa misión. Paulo é a consciencia da Igrexa agora cos gálatas, como o fora antes en Xerusalén. Para que poidan estar seguros (**5**, 1), daquela loitou alí para que non fixesen circuncidar a Tito, e a súa doutrina quedou validada polo Concilio. Segunda proba da súa autoridade.
**2**, 11ss *Cando Pedro veu*: terceira proba da súa autoridade: a doutrina que Cristo lle revelou, medio llela tivo que meter na cabeza aos outros.
**2**, 16 Sal **143**, 2.

Ca! [18]Se despois de facer vir abaixo unha cousa me poño a recompoñela, estoume a confesar culpable. [19]Porque precisamente pola Lei morrín á Lei, co fin de vivir para Deus. Fiquei crucificado con Cristo [20]e vivo: mais xa non vivo eu, é Cristo quen vive dentro de min. E aínda que agora vivo unha vida mortal, vivo na fe do Fillo de Deus, que me amou e que se deu en sacrificio por min. [21]Eu non boto a perder a graza de Deus. Pero, iso si, se a xustificación nos viñese da Lei, Cristo morrería para nada.

## SECCIÓN DOUTRINAL. A XUSTIFICACIÓN POLA FE

### A xustificación vén pola fe e non polas obras

**3** [1]E a vós, gálatas sen xuízo, de Cristo crucificado non se vos escribira xa antes? Seica vos botaron o mal de ollo? [2]Só quero que me digades se recibistes o Espírito porque cumpristes coa Lei ou pola predicación da fe. [3]E logo sodes tan inconstantes que, principiando no Espírito, vindes rematar agora no máis baixo? [4]Seica experimentastes cousas tan grandes para nada? Daquela sería inútil, e mais ben! [5]Quen vos concede o Espírito e anda a facer milagres entre vós faino porque cumprides coa Lei ou porque obedecestes á fe?

### O caso de Abraham: a fe é o que conta

[6]Non vedes como *Abraham confiou en Deus e iso valeulle a xustificación*? [7]Recoñecédeme, logo, que os que viven da fe, eses son os fillos de Abraham. [8]E a Escritura, previndo que Deus había xustificar os non xudeus, anuncioulle xa con tempo a Abraham: *En ti han ser benditas todas as razas*. [9]De xeito que os que viven da fe son benditos xunto con Abraham, o crente.

[10]En cambio todos os que confían en se salvaren pola práctica da Lei están baixo maldición. Porque está escrito: *Maldito quen non se ateña a todo o que está escrito no libro da Lei para que se cumpra*. [11]Ora que, ninguén se pode xustificar diante de Deus grazas á Lei, está visto: porque *o que é xusto vivirá pola súa fe*. [12]Mais a Lei non procede da fe, senón que *quen cumpra eses preceptos vivirá por eles*. [13]Cristo rescatounos da maldición da Lei, facéndosenos El mesmo maldición polo noso ben (lembrade que está escrito: *Maldito quen está pendurado dun pau*), [14]para que en Cristo Xesús vos chegase aos non xudeus a bendición de Abraham e para que, por medio da fe, recibísemos o Espírito prometido.

### A promesa da salvación é anterior á Lei

[15]Irmáns, vouvos poñer un caso da nosa vida: nun testamento, con tal de que estea outorgado como é debido, ninguén engade nin quita nada; iso que é cousa dun home. [16]Ben, pois a Abraham e mais á descendencia del fixéronselles as promesas. Pero a Escritura non di *aos seus descendentes*, como se fosen moitos, senón *ao seu descendente*: coma quen di a un só, que é Cristo. [17]E digo eu: un testamento que xa foi outorgado en condicións por Deus, non o vai invalidar a Lei (que veu de alí a catrocentos trinta anos) ata o punto de cancelar a promesa. [18]Pois, se a herdanza viñese da Lei, xa non viría da promesa. Non obstante, Deus concedeulle o seu favor a Abraham en forma de promesa.

### Valor provisorio da Lei

[19]A que vén, logo, a Lei? A Lei engadiuse para nos facer ver os pecados mentres non viña o descendente, para quen se fixera a promesa; e promulgouse por medio dos anxos, por man dun mediador. [20]Agora ben, non pode haber mediador dun só, e Deus é único.

**2**, 21 *Morrería para nada*: se volvemos ao xudaísmo, Cristo sería unha revelación inútil. Argumentos polo absurdo, polémicos, dos que ía beber a mística cristiá. A realidade que acaba de descubrir –a vida transformada pola transcendencia–, lévao a ter que inventar novas palabras. Hoxe vive, sofre e morre con Cristo. Mañá resucitará con el.
**3**, 1-5 Agora defende directamente a súa doutrina, co estilo da diatriba estoica (ver a nota a Rm **2**, 1 e **3**, 1).
**3**, 3 *No máis baixo*: lit. "carne"; cf Rm **7**, 5.
**3**, 6-13 Con textos de Xén **15**, 6; Dt **27**, 26; Hab **2**, 4; Lev **18**, 5; Dt **21**, 23, respectivamente, adobíase un razoamento moi rabínico e para nós embarullado. Abraham, pai do pobo escolleito, foi grande pola fe en Deus, mesmo en cousas humanamente imposibles (ter un fillo aos 99 anos dunha muller anciá e estéril) ou extremadamente dolorosas (matar o fillo milagroso, Isaac). Fillos de Abraham son, logo, os que teñan en Deus a fe que a Abraham o distingue doutros homes: os que saian a el.
**3**, 11 Cf nota a Rm **1**, 17.
**3**, 15-18 A promesa da salvación é anterior e máis importante ca a Alianza (a Lei de Moisés), que se fixo despois.
**3**, 19 *A Lei engadiuse*: a Lei promulgouse despois, para que, vendo os homes a súa incapacidade de seren bos, caesen na conta de que precisaban outro camiño, un Redentor. A Lei ilumina as nosas obrigas, pero non nos dá os medios de cumprir con elas.

21Logo é que a Lei vén estar contra as
promesas de Deus? Nin moito menos. Certo que, se nos desen unha Lei capaz de nos
dar a vida, a xustificación viría realmente da
Lei. 22Mais a Escritura pinta todo encadeado polo pecado, de maneira que a promesa
se lles cumpra aos que cren en Xesús Cristo
mediante a fe.

23Pero antes que a fe chegase, estabamos
todos baixo a Lei, agardando a fe que había ser revelada. 24Por iso a Lei foi a que nos
levou a Cristo (coma un criado que leva o
meniño á escola), para que logo fósemos
xustificados pola fe. 25Por iso, desde que chegou a fe, deixamos de estar baixo a tutela do
criado.

26Todos vós sodes fillos de Deus pola fe
en Cristo Xesús, 27porque aos que vos bautizaron en Cristo, vestíronvos de Cristo. 28E
todo iso de xudeus e gregos, de escravos e
libres, de homes e mulleres, todo iso acabou, pois sodes coma un só en Cristo Xesús.
29Vós, pola vosa condición de cristiáns, sodes a "descendencia" de Abraham, herdeiros
conforme á promesa.

### O cristián, fillo de Deus, e maior de idade

**4** 1E digo eu: mentres o herdeiro é pequerrecho, con ser o dono de todo, medio parece un escravo: 2porque, total, está sometido
a titores e administradores ata a data sinalada polo pai. 3Si. Connosco tamén pasou así: cando eramos uns rapaces, estabamos sometidos
coma escravos aos elementos do mundo.

4Mais así que chegou a plenitude dos tempos, Deus mandounos o seu Fillo, nacido de
muller e suxeito á Lei, 5para rescatar os que estabamos baixo a Lei e para que recibísemos o porfillamento. 6A proba de que sodes
fillos del é que Deus mandou aos vosos corazóns o Espírito do seu Fillo, que exclama:
*Abbá!* (que quere dicir: Pai!). 7Polo tanto, ti
xa non es escravo, senón fillo. E, por seres
fillo, tamén, grazas a Deus, es herdeiro.

8É certo que daquela, como non coñeciades a Deus, erades escravos de deuses que,
ben mirado, non eran deuses. 9Mais hoxe en
día que, en cambio, coñecedes a Deus (ou,
mellor dito, que Deus xa vos coñece a vós),
como é que volvedes aos indixentes e pobres
elementos e desexades facervos escravos deles? 10Andades a gardar certos días, meses,
estacións e anos. 11Total: non sei se non me
estaría sacrificando por vós para nada.

### Que os gálatas sigan a confiar en Paulo

12Meus irmáns, rógovos que vos fagades
coma min, que tamén eu me fixen coma vós.
Non me ofendestes en nada. 13Lembrade que,
da primeira volta que vos prediquei o Evanxeo, eu andaba un pouco doente; 14así e todo,
vós non me desprezastes nin cuspistes no
chan por mor daquela miña doenza (que para
vós fora unha tentación), senón que aínda me
acollestes coma se eu fose un anxo do ceo,
como se fose Cristo Xesús. 15Onde vai, logo,
todo aquel voso contento? Porque vos podo
asegurar que daquela, se for posible, erades
capaces de vos arrincardes os ollos para mos
dar a min. 16Seica me volvín inimigo voso
por vos dicir toda a verdade?

17Eses que tanto miran por vós, fano con
malicia, porque o que queren é arredarvos
de min, para que os rodeedes de atencións a

**3**, 24 *A Lei foi a que nos levou a Cristo*: lit. a "Lei foi o pedagogo". O pedagogo era un escravo encargado exclusivamente do fillo do amo, de levalo á escola e repasarlle as leccións; estar baixo a Lei é ser menor de idade. Nos cc. **5** e **6**, en cambio, mostrará a fe ligada á liberdade.
**3**, 27 *Vestíronvos de Cristo*: metáfora na que Paulo alude aos devotos do deus Mitra (que os había na comarca), que poñían os hábitos do deus para colleren a súa forza. O bautismo cristián sería recibir a forza de Deus para superar as nosas limitacións.
**3**, 28 *Todo iso acabou*: fronte ao nacionalismo farisaico (do que Paulo fora activista) e fronte ao tribalismo relixioso que había en Grecia e Roma (un deus para cada aldea e un para cada familia) e que produciu as traxedias de Sócrates e Antígona, o cristianismo convoca ("igrexa") a todo o mundo, superando a nobre utopía do cosmopolitismo estoico. Paulo, escaldado do fariseísmo, teimou nesta idea máis veces (1 Cor **12**, 13; Col **3**, 11) e avisou a un amigo das consecuencias (Filemón). Desgraciadamente, non lle fan caso.
**4**, 6 *Abbá*: é a primeira fala que dan os meniños, e literalmente en arameo quere dicir "papá". Abbá chamáballe Xesús a Deus cando rezaba. Tan atrevido lles pareceu aos que llo oíron (sabido é o temor con que os xudeus se dirixían a Deus), que aínda cando escriben en grego conservan esta sorprendente palabra. O cristianismo quixo traer un novo clima relixioso ao mundo: o amor.
**4**, 9 *Que Deus xa vos coñece*: a iniciativa é sempre de Deus ou non é de Deus. El adiantouse a crearnos (non o inventamos nós): El adiantouse a salvarnos (Abraham non escolleu el a Deus –como dicía o Libro dos Xubileus–: foi Deus o que o escolleu a el, cousa que de entrada a aquel home de 99 anos lle deu moito riso). Tamén cos gálatas a iniciativa foi de Deus. Pero os gálatas volven ao ritualismo xudaico e á idolatría pagá, estragando así todo.
**4**, 12-16 Os tres únicos mandamentos que daban os druídas, eran: dar culto aos deuses, non facer nada malo, e ser homes feitos e dereitos. A virilidade entre os celtas era tan importante que un predicador enfermo debía ter pouco creto. Cando lles predicou, Paulo ía mal de saúde.
**4**, 17-20 Paulo tíñase por "nai" das comunidades que ía creando co seu traballo (1 Tes **2**, 7): por iso compara a evanxelización cun parto que ás veces cómpre "repetir".
*Unhas palabriñas*: refírese a que unha carta sempre é algo máis frío ca un diálogo persoal, no que a voz, a mirada, as mans, teñen máis calor e convencen máis.

eles. [18]Pero, ben mellor será que me atendades con sinceridade e sempre, non só cando estou aí. [19]Ai, meus filliños! Que me volven aguilloar as dores do parto por vós, mentres non vos conformedes segundo a aparencia de Cristo! [20]Convosco un xa non sabe que é o que ten que facer. Quen me dera estar agora aí onda vós: a ver se dicíndovos unhas palabriñas ben ditas...!

### A Lei non é a que salva

[21]Dicídeme os que vos queredes someter á Lei: é que non escoitastes a Lei? [22]Porque está escrito que Abraham tivo dous fillos: un da escrava e o outro da muller libre; [23]e o fillo da escrava naceu como nace todo o mundo, mentres que o fillo da muller libre naceu en virtude da promesa.

[24]Todo isto quérevos dicir unha cousa: estas dúas mulleres veñen representar os dous testamentos. O primeiro concertouse no monte Sinaí; e é Agar [25](“agar” en árabe indica o monte Sinaí): ela pare fillos escravos e corresponde á Xerusalén de hoxe, que vive de escrava coma os seus fillos. [26]En cambio a Xerusalén de arriba é libre. Esta é a nosa nai, [27]porque está escrito:

*Alégrate ti, aínda que es erma e non pares!;*
*aturuxa, aínda que non che dean vido*
*dores de parto:*
*que a abandonada ha ter máis fillos*
*ca a que ten home!*

[28]Vós, irmáns, sodes fillos da promesa, coma Isaac. [29]Mais hoxe pasa coma daquela: o xerado normalmente anda a paus co xerado espiritualmente. [30]Ah! E que é o que di a Escritura?: *Bota fóra esa escrava e mais o seu fillo: que o fillo da escrava non partillará a herdanza co da libre*. [31]Así que, irmáns, nós non somos fillos da escrava, senón da libre.

### Cristo fíxonos libres

**5** [1]Cristo liberounos para que vivamos en liberdade. Estádeme, logo, ben firmes nel!: que non vos canguen outra vez o xugo da escravitude!

[2]E mirade que eu, Paulo, xa vos deixo ben avisados de que, se vos facedes circuncidar, Cristo non vos vai servir de nada. [3]E a todo o que se me faga circuncidar, eu vólvolle asegurar que queda obrigado a cumprir coa Lei enteiriña. [4]Os que procurades na Lei a vosa xustificación, rompestes con Cristo, saístes da graza.

[5]Porque a nós o Espírito móvenos a agardar da fe os bens da xustificación esperada. [6]Porque en Cristo Xesús estar ou non estar circuncidados non importa para nada: o único que importa é a fe que actúa a través do amor.

[7]Tan ben como iades! Quen vos poñería o pé diante para que xa non obedezades á verdade? [8]Esta vosa idea non vén, de certo, do que vos chama: [9]cun chisco de fermento abonda para levedar a masa toda. [10]Mais eu teño posta a confianza no Señor en que vós haberedes pensar coma min. Iso si, ese que vos perturba ha levar o seu merecido, sexa quen sexa.

[11]E eu, meus irmáns, se disque aínda predico a circuncisión, como é que aínda me perseguen? Porque daquela estaría eliminado o escándalo da cruz. [12]Vaites cos que vos andan a quentar a cabeza! Mágoa que non se castren eles!

**4**, 21-30 Cos textos de Is **54**, 1 e Xén **21**, 9ss, fai unha comparanza alegórica. Cando Sara, a muller de Abraham, conseguiu ter o fillo imprevisto, botou da casa á escrava Agar, que lle dera a Abraham un fillo, Ismael, que quedou sen herdanza ningunha. Os xudeus (que esperaban que o Mesías impoñería o xudaísmo no mundo enteiro) dicían que a Xerusalén que eles vían (“Xerusalén actual”) era, de certo, pobre e escrava coma Agar, pero que, en vindo o Mesías (“Xerusalén futura”), ían ser libres e ricos.
Paulo coñece o argumento e dálle a volta, desvalorizando o xudaísmo: a “Xerusalén actual” é a Sinagoga, a nación xudía que quere seguir na escravitude da Lei de Moisés, mentres que a “Xerusalén futura”, “a do ceo” son os cristiáns, que entraron no mundo da liberdade e que son os verdadeiros descendentes de Abraham, porque, coma el, viven na fe.
**5**, 1 *Cristo liberounos*: o noso concepto de liberdade está moi lonxe do paulino. A submisión ás normas minuciosas da tradición xudaica era unha verdadeira escravitude do pecado, pola soberbia con que se practicaba. Cristo inaugurou o novo clima relixioso do mundo, anunciado en Abraham e centrado na fe e no amor. Pero tamén aquí xurdiu o medo á liberdade e a ansiosa fuxida dela. Os gálatas buscan a quen entregarlla, cegándose en algo máis palpable e primitivo: un código, do que Paulo lles repite que está desvalorizando.
**5**, 6 *Fe que actúa a través do amor*: a fe tense que facer visible nun comportamento axeitado, porque, se non, sería unha fe morta (St **2**, 26), como unha árbore sen froitos é unha árbore seca. Claro que as obras non son causa da salvación, senón consecuencia da fe. Cando Paulo opón a fe ás obras, non xulga o valor dunha crenza teórica fronte ao dunha forma de vivir (porque a fe non é un proceso intelectual nin unha opinión, como era no mundo grego), senón o valor de dúas formas de vivir: a do que espera salvarse porque, cumprindo, Deus non pode condenalo (novo Prometeo que conquista o ceo), e a do que se achega ao Outro, para superar con El as contradicións dunha vida condenada á esperanza e burlada na morte. Postura arriscada, porque o éxito non ten comprobación humana. Iso é a fe.
**5**, 12 “Apokópsontai” pode ser “que se castren eles” ou que “se separen de nós”. O segundo, metafórico, non cadra co natural de Paulo, dado a acoller, non a expulsar. O primeiro pode ser unha retranca dirixida aos entusiastas da circuncisión. Alusión a certas mutilacións ás que se sometían os sacerdotes no entusiasmo da liturxia de Attis e Cibeles?

## SECCIÓN EXHORTATIVA: VIVIR A LIBERDADE NO ESPÍRITO

### Usar ben a liberdade

13Irmáns, a vós chamáronvos á liberdade.
Pero coidadiño con servir aos baixos instintos co gallo da liberdade! Habédesme ser
escravos uns dos outros mediante o amor.
14Porque toda a Lei está completa neste precepto: *Amarás o teu próximo coma a ti mesmo*. 15Pero, se vos adentades e devorades,
levade tento de non acabardes uns cos outros.

16Pois quérovos dicir que vivades conforme o Espírito e, que non cedades aos proídos
do instinto. 17Porque os baixos instintos devecen contra o Espírito e o Espírito contra os
baixos instintos: opóñense tanto entre eles,
que non facedes o que de verdade queredes.
18Mais, se vos guiades polo Espírito, xa non
estaredes máis baixo a Lei.

19As obras dos baixos instintos téndelas
ben á vista: fornicación, adulterio, libertinaxe, 20idolatría, bruxerías, xenreiras, liortas,
cobiza, retesías, discordias, faccións, 21envexas, bebedelas, enchentes e cousas polo estilo. Xa vos avisei ben avisados de que non
herdarán o Reino de Deus os que tal fagan.

22En cambio o froito do Espírito é o amor,
alegría, paz, paciencia, agarimo, bondade,
formalidade, 23mansedume e dominio de si.
Contra isto non hai Lei que valla.

### Vivir no Espírito

24Os de Cristo Xesús crucificaron os baixos instintos coas súas paixóns e cobizas. 25Se vivimos no Espírito, sigamos como norma o
Espírito. 26Non hai que ser farfalláns. Non se
hai que encirrar uns cos outros. Non nos temos que envexar.

### Consellos de despedida

**6** 1Irmáns, se acaso colledes a alguén nunha
falta, vós, como homes do Espírito, reprendédeo polas boas, termando cadaquén de
si, que ti tamén podes ser tentado. 2Levade
uns as cargas dos outros, que así cumpriredes coa Lei de Cristo. 3O que coida, así polas boas, que é algo, non sendo nada, a quen
engana é a si mesmo. 4Bote contas cadaquén
sobre os propios feitos, e daquela terá en si
e non nos outros razón para estar satisfeito.
5Cadaquén ten que levar o seu fardel.

6Cando un vaia á doutrina onda outro,
faga parceiro dos seus bens ao que lla ensina.
7Non vos levedes a engano, que de Deus non
hai quen faga riso. Conforme sementes, recollerás. 8O que semente baixos instintos, dos
baixos instintos recollerá podremia; e o que
semente no Espírito, do Espírito recollerá
Vida eterna. 9Non cansemos de facer o ben,
que, como esmorecer non esmorezamos,
cumprido o tempo habemos ter boa colleita.

10Polo tanto, fagámoslles ben a todos,
mentres temos tempo, maiormente aos nosos
irmáns na fe.

## REMATE AUTÓGRAFO

11Mirade con que letras tan grandes vos
escribo eu pola miña man. 12Os que queren
quedar ben vistos no externo son xustamente os que vos queren facer circuncidar, para
que non os persigan a eles pola cruz de Cristo. 13Pero se nin tan sequera os circuncisos
cumpren coa Lei! O que queren é que vos
circuncidedes vós para se gabaren da vosa
circuncisión. 14Pero a min Deus me libre de
gabarme de algo que non sexa a cruz de Cristo, na que o mundo está crucificado para min
como eu para o mundo. 15Pois tanto ten estar
circuncidado coma estar sen circuncidar. O
que importa é a nova creación.

16A paz e mais a misericordia virán sobre todos os que se axusten a esta norma e sobre o Israel de Deus. 17De hoxe en diante que ninguén
me veña amolar, porque levo no meu corpo
as marcas de Xesús. 18Irmáns, que a graza do
noso señor Xesús Cristo vaia convosco. Amén.

**5**, 14 *Amarás o teu próximo* (Lev **19**, 18): se o amor é ter ansia pola vida e polo crecemento dos que amamos, o amor non é un sentimento, senón unha decisión, unha promesa: e ese amor comeza só cando amamos a alguén de quen non precisamos nada.

**5**, 16 *Instinto*: lit. "carne". Carne e espírito non son para Paulo corpo e alma (dualismo platónico alleo á mentalidade hebrea), senón dúas situacións en que se pode atopar o home: condición natural irredenta, sometida á forza do pecado, e situación salvada pola forza do Espírito.

**5**, 19-23 Catálogo de vezos e virtudes (ver Rm **1**, 25-31 e nota).

**6**, 1-10 O noso egoísmo é moi arteiro para entremeterse: chega con caer na tentación de nos compararmos cos outros, coma o fariseo de Lc **18**, 9-14. Por sorte, a salvación non é unha competición na que todos perden, menos un que triunfa. Terme cadaquén de si.

**6**, 11ss No v. 11 a carta está medio rematada. Pero Paulo quere poñer algo da súa man (poñer as últimas liñas era a sinatura daquel tempo) e fai unhas letras moi grandes, que era un xeito de subliñar o que se dicía. Aproveita para teimar na mesma idea, rematando sen máis cortesías ca no comezo. Aínda que hai quen ve nas "letras grandes" (ver 1 Cor **16**, 21-23) o indicio dunha doenza da vista (**4**, 13-15; Feit **9**, 9-18; **23**, 5).

# INTRODUCIÓN Á CARTA AOS EFESIOS

## 1. Destinatario

*No texto considerado primitivo non se nomeaban os destinatarios desta carta, aínda que algúns manuscritos introduzan no encabezamento a expresión "en Éfeso" e aínda que uns poucos escritores dos primeiros séculos coiden que esta carta se mandou aos cristiáns de Laodicea.*

*En principio, a recomendación paulina de que os colosenses lles deixen ler a súa Carta aos de Laodicea e que lean tamén eles a que lle mandou a esta comunidade (Col **4**, 16), xunto co feito de que a tal Carta aos Laodicenos non apareza, non son razóns abondas para considerar que esta Carta "aos Efesios" se dirixiu realmente aos laodicenos.*

*Pero o feito de que a expresión "en Éfeso" falte dos manuscritos máis importantes e o feito de que o texto (en especial **1**, 15; **3**, 2; **4**, 21) amose unha falta de coñecemento directo da vida e actividade dos destinatarios xustifican a dúbida, porque coa comunidade de Éfeso Paulo conviviu case tres anos (Feit **20**, 31) e por ela tiña especial predilección.*

*As teorías multiplícanse. Algúns pensan nunha carta que servise para as diversas comunidades da Frixia e que, por iso, non levaría o nome dunha Igrexa concreta no texto, senón na marxe. A expresión "en Éfeso" iríase incluíndo nas copias posteriores, o que explicaría a súa ausencia dos manuscritos máis antigos e a presenza nos máis serodios.*

## 2. Autor

*Ata o século pasado non se discutiu a autenticidade paulina do escrito. O feito de que 1 Pe a teña en conta e que a utilice, e o feito de que a considerasen paulina moitos escritos da Igrexa primitiva, pesaban en favor da autenticidade paulina. Ésta chegou a poñerse en dúbida ao analizar aspectos de tipo literario, lingua, estilo e pensamento do autor, e comparala coa Carta aos Colosenses, da que parece, nalgunhas partes, un duplicado.*

*A Carta "aos Efesios" pode ser un escrito pseudoepigráfico, no que un discípulo de Paulo aplicou a doutrina do apóstolo nunhas circunstancias novas, mantendo o nome de Paulo. Pode ser tamén unha carta do apóstolo, completada por un discípulo seu, ou ben un documento bosquexado por Paulo e entregado a outro para que o redactase. Podería, pois, formar parte, do grupo de cartas consideradas deuteropaulinas.*

*A difícil cuestión do autor, polo tanto, segue aberta.*

## 3. Finalidade, ocasión e data

3.1. *Non se indica expresamente a finalidade. Do texto pódese concluír que se intenta dar resposta a unhas tendencias espiritualistas de tipo gnóstico e xudaizante, espalladas tamén por Colosas e que deixaban na penumbra a primacía de Cristo.*

3.2. *A ocasión, no caso de ser Paulo o autor, podería ser o desexo de axudar a Epafras, o evanxelizador e responsable das comunidades de Colosas, Laodicea e Hierápole (cf Col **4**, 13). Daquela Tíquico levaría as cartas ás cristiandades da bisbarra, para que as intercambiasen e quizais tamén para que llelas pasasen a outras comunidades (cf Col **4**, 16).*

3.3. *No tocante á data, pola semellanza co contido e coa forma da Carta aos Colosenses, os que propugnan a autenticidade paulina da carta consideran que a escribiu no período da primeira catividade romana (anos 61-63), un pouco despois da dos Colosenses.*

## 4. Contido e estrutura

4.1. *O tema fundamental é o da Igrexa, considerada como un Corpo.*

*O tema cristolóxico aparece tamén con claridade: Cristo é a cabeza e o esposo da Igrexa, o redentor de xudeus e xentís. Domina a creación por riba de toda outra forza, enchéndoo todo.*

*O Espírito Santo vén presentado como quen lle dá unidade ao Corpo e como garantía da herdanza dos cristiáns.*

*Os cristiáns teñen que levar unha vida nova, "en Cristo", vivindo a fe, mantendo a esperanza e exercendo o verdadeiro amor.*

4.2. *En grandes liñas, a estrutura é a seguinte:*

- *Encabezamento: **1**, 1-2.*
- *Parte doutrinal: **1**, 3-**3**, 21.*
- *Parte exhortativa e moral: **4**, 1-**6**, 22.*
- *Conclusión: **6**, 23-24.*

# CARTA AOS EFESIOS

## Saúdo

**1** [1]Paulo, apóstolo de Cristo Xesús por vontade de Deus, aos cristiáns e crentes en Xesús Cristo: [2]deséxovos a graza e a paz de Deus noso Pai, e do Señor Xesús Cristo.

## O MISTERIO DE CRISTO E A SÚA IGREXA

### Himno ao misterio salvador de Deus

[3]Bendito sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo, que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo con toda clase de bendicións do Espírito! [4]Porque nos escolleu antes da formación do mundo, para que fósemos santos e sen chata perante El polo amor.

[5]El decidiu xa daquela porfillarnos por medio de Xesús Cristo, para El, conforme o designio da súa vontade, [6]para loanza da súa gloriosa benquerenza, coa que nos agraciou no Fillo amado, [7]quen co seu sangue alcanzou para nós a redención e o perdón dos pecados, en proba da xenerosidade da súa graza. [8]E fixoa rebordar sobre nós con toda sabedoría e intelixencia, [9]ao descubrirnos o misterio da súa vontade, conforme ao designio que El tiña [10]para levar a historia á súa plenitude e, por medio de Cristo, levar a cabo a unidade do universo, do que hai no ceo e do que hai na terra.

[11]Por El tamén nós tivemos a sorte de resultar preelixidos segundo o designio daquel que activa todo conforme ao proxecto da súa vontade, [12]para sermos imaxe da súa gloria os que xa antes tiñamos a esperanza en Cristo.

[13]Vós tamén, despois de escoitardes a mensaxe da verdade, o Evanxeo da vosa salvación, e crerdes nel, quedastes selados co Espírito Santo prometido, [14]que é garantía da nosa herdanza, para redención dos que chegamos a ser propiedade del, para loanza da súa gloria.

### Supremacía de Cristo, Señor de todo

[15]Por iso, tamén eu, tendo oído falar da vosa fe no Señor Xesús e do voso amor a todos os crentes, [16]non paro de lle dar grazas a Deus por vós, recordándovos nas miñas oracións, [17]de xeito que o Deus do noso Señor Xesús Cristo, o Pai glorioso, vos conceda espírito de sabedoría e de revelación, para coñecer o ben; [18]que manteña iluminados os ollos da vosa alma, para que comprendades as esperanzas que abre a súa chamada, a riqueza que supón a súa gloriosa herdanza destinada aos crentes, [19]e o extraordinario portento que é o seu poder verbo de nós, os que cremos, en consonancia co vigor da súa potencia e da súa forza, [20]que exerceu con Cristo resucitándoo de entre os mortos e sentándoo á súa dereita nos ceos, [21]por riba de toda soberanía,

**1**, 1 A carta comeza coa presentación e cos saúdos habituais do Apóstolo (cf 1 Cor **1**, 1-3; Gál **1**, 1-3...).
O vocábulo que traducimos por "cristiáns" aquí e, noutros lugares do N. T., por "crentes", é o de "santos". Designa os membros da "comunidade santa", do "pobo escolleito", realidade que se comprende mellor hoxe cos termos empregados na tradución.
Algúns manuscritos din "...os cristiáns que están en Éfeso"; e algúns escritores dos primeiros séculos coidaban que os destinatarios da carta eran os laodicenos (cf Introd., 1). Non obstante, ningunha destas lecturas conta co apoio da crítica textual.
**1**, 3 Comeza a parte doutrinal da carta, que rematará en **3**, 21.
A perícope **1**, 3-14 é un himno de loanza e acción de grazas a Deus, polo seu designio de salvación verbo de nós en Xesús Cristo e pola realización do devandito proxecto.
**1**, 6 *Benquerenza* e *graza*, son termos que reflicten o mesmo vocábulo grego (*háris*). No Fillo amado: lit. "no amado".
**1**, 9 *O misterio* refírese ao designio de Deus de salvar os homes por Cristo. Tal proxecto era descoñecido no tempo anterior a Xesús (cf **3**, 4ss; **6**, 19-20).
**1**, 11ss O autor fai referencia a un dobre grupo de persoas: as que xa antes de Cristo agardaban a súa chegada (os xudeus, entre os que se conta el) e as demais persoas, das que algunhas chegaron a escoitar a mensaxe do Evanxeo (a estas diríxese co pronome "vós": cf v. 13).
**1**, 14 *Garantía*: lit. "arras", "primeira entrega" (cf 2 Cor **1**, 22; **5**, 5).
**1**, 17 A finalidade da súplica é a de acadar a auténtica sabedoría (que vén do Espírito de Deus e que nos move a actuar segundo os criterios divinos) e mais a sensibilidade interior que nos faga sintonizar co mesmo Espírito e vivir fondamente o que El sementa no noso corazón.
**1**, 22 Sal **8**, 7; cf Heb **2**, 8. A imaxe da Igrexa como corpo de Cristo aparece nas cartas aos Romanos e aos Corintios (Rm **12**, 4-5; 1 Cor **12**, 12-27), e desenvólvese máis nas dos Efesios e dos Colosenses, constatando que Cristo é a cabeza do devandito corpo (Ef **4**, 15s; **5**, 23; Col **1**, 18; **2**, 17. 19).
A Igrexa chámaselle tamén "plenitude" (en grego *pléroma*), en canto que abrangue toda a realidade, renovada por Cristo, que ten poder para enchelo todo (cf 1 Cor **12**, 6; **15**, 28; Col **1**, 19s; **3**, 11).

autoridade, forza e dominio, e por riba de
todo título recoñecido neste mundo e tamén
no vindeiro. [22]*Someteuno todo baixo os seus*
*pés* e deullo por riba de todo como cabeza á
Igrexa, [23]que é o seu corpo, a plenitude da-
quel que o enche todo en todas as cousas.

### Salvados gratuitamente en Cristo

**2** [1]E tamén vós estabades mortos polos
vosos delitos e pecados, [2]e neles cami-
ñabades daquela seguindo os criterios deste
mundo e seguindo o príncipe do poder do
aire, do espírito que agora actúa nos fillos
desobedientes... [3]Entre eles viviamos daque-
la tamén todos nós, satisfacendo os nosos
baixos instintos, cumprindo os baixos dese-
xos e os caprichos dos instintos, sendo natu-
ralmente fillos da ira, como os máis.

[4]Pero Deus, que é farturento en misericor-
dia, polo grande amor que nos amosou, [5]can-
do estabamos nós mortos polos nosos peca-
dos fixonos revivir con Cristo (salváronvos
por pura benquerenza) e [6]resucitounos con El
e con El fixonos sentar no ceo en Cristo Xe-
sús, [7]para mostrarlles aos séculos vindeiros a
desbordante riqueza da súa graza, manifesta
na bondade que tivo connosco en Cristo Xe-
sús. [8]Porque vos salvaron por graza, median-
te a fe; e isto non vén de vós: é don de Deus;
[9]e non vén das obras, para que ninguén se dea
méritos. [10]Somos, logo, feitura del, creados
en Cristo Xesús para facermos o ben no que
Deus dispuxo de antemán que camiñemos.

### Un só pobo reconciliado por Cristo

[11]Por iso debedes lembrar que vós, os
que hai algún tempo erades xentís no corpo
(tratados de incircuncisos polos da chamada
circuncisión –pura obra humana no corpo–),
[12]estabades daquela sen Cristo, excluídos da
cidadanía de Israel e alleos ás alianzas da
promesa: viviades no mundo, sen esperanza
e sen Deus.

[13]Pero vós, que antes estabades lonxe, agora
grazas a Cristo Xesús estades cerca, no
sangue de Cristo. [14]El é a nosa paz: o que dos
dous pobos fixo un só, derrubando a media-
neira divisoria –a inimizade–, e abolindo na
súa carne [15]aquela Lei de mandamentos e nor-
mas, para crear en si mesmo cos dous unha
nova humanidade, facendo a paz, [16]e recon-
ciliando con Deus ambos os dous nun único
corpo por medio da cruz, matando nel mesmo
a inimizade. [17]El veu e anunciou a paz: paz
para vós –os de lonxe–, e paz para os que es-
taban cerca: [18]porque por el temos uns e ou-
tros acceso ao Pai, nun mesmo Espírito.

[19]Polo tanto, xa non sodes estranxeiros nin
xente de fóra: sodes concidadáns dos crentes
e membros da casa de Deus, [20]edificados so-
bre o alicerce dos apóstolos e dos profetas,
sendo a pedra esquinal Cristo Xesús. [21]Sobre
el toda a construción se vai erguendo ata for-
mar un templo santo no Señor. [22]E nesa cons-
trución tamén entrades vós, para formardes
unha morada de Deus, no Espírito.

### A misión de Paulo

**3** [1]Por esa razón eu, Paulo, preso por mor
de Cristo Xesús e por vos levar este ben
a vós, os xentís... [2]Coido que oístes falar da
encomenda que a graza de Deus me fixo en
favor voso: [3]xa que por medio dunha revela-
ción se me deu a coñecer o misterio, tal como
escribín antes en poucas palabras, [4]polo que,
ao lelo, podedes esculcar como entendo eu
o misterio de Cristo, [5]que noutras xeracións
non se lle dera a coñecer á humanidade como

**2**, 1-10 Nesta perícope temos resumida a mensaxe da Carta aos Romanos: o pecado afectaba a toda a humanidade; pero salvounos a benquerenza de Deus, manifestada en Cristo, e que recibimos pola fe. Todo iso leva á gloria de Deus.
**2**, 1 Co pronome "vós" alúdese aos xentís (cf nota a **1**, 11ss), que levaban unha vida disoluta, pagá; pero tampouco os xudeus ("nós": v. 3) non quedaban atrás deles no seu xeito de actuar.
**2**, 2 *O príncipe do poder do aire*. Refírese ao demo. *O aire*, e tamén o firmamento, considerábase como a morada dos espíritos malos (cf **6**, 12).
**2**, 3 *Os nosos baixos instintos*: lit. "as tendencias da nosa carne"; cf Rm **7**, 5.
**2**, 9 Os xudeus querían acadar a salvación polo cumprimento da Lei mosaica; pero, ademais de non chegar a cumprir a Lei, volvíanse orgullosos diante de Deus, esixindo polas súas obras o recoñecemento divino. Pero ninguén pode considerarse xusto pola súa conta diante de Deus (Gál **2**, 16; **3**, 10-14. 22), non sendo que considere inútil a morte de Cristo... (Gál **2**, 21). Por iso a única postura correcta diante de Deus ha de ir na liña da humildade e do agradecemento.
**2**, 10 *En Cristo Xesús* é unha expresión paulina que reflicte o ámbito vital dos que, pola fe en Xesús, pertencen ao novo pobo de Deus, reciben os froitos do sangue de Cristo, e son herdeiros da promesa feita a Abraham.
**2**, 16 Emprégase aquí a imaxe que se deu en chamar "crucifixión mística": o Cristo cravado na cruz abrangue cos seus brazos os dous grandes grupos (o xudeu e o xentil), acollendo a todos e reconciliándoos entre eles e con Deus.
**2**, 17ss Aínda que os pagáns tiñan a consideración de ser xente máis afastada ca os adoradores do "Deus vivo", agora todos, sen distinción, son membros da familia de Deus, de xeito que a procedencia dun ou doutro grupo xa non conta (cf Gál **3**, 28s).
**3**, 1 A misión de Paulo ten como destinatarios fundamentais os xentís, os pagáns: Gál **1**, 15-16; **2**, 8-9; cf Feit **15**, 12; Rm **15**, 17-19.
**3**, 4 *O misterio de Cristo*: cf nota a **1**, 9.

agora llelo manifesta o Espírito aos seus santos apóstolos e profetas: [6]que os xentís son parceiros, membros do mesmo corpo e partícipes da promesa en Cristo Xesús polo Evanxeo, [7]do que me fixo servidor a xenerosa graza que Deus me concedeu coa eficacia do seu poder. [8]A min, o máis cativo de todos os crentes, concedéuseme o honor de anunciarlles aos xentís a inimaxinable riqueza de Cristo [9]e amosarlles a todos a realización do misterio escondido desde sempre en Deus, que creou todas as cousas. [10]Así desde o ceo e por medio da Igrexa dáselles a coñecer a principados e autoridades a variedade de formas da sabedoría de Deus, [11]contidas no proxecto eterno que se levou a cabo por medio de Cristo Xesús, noso Señor. [12]Grazas a El temos a liberdade de acceso confiado, pola fe nel. [13]Por isto vos pido que non vos desmoralicedes polas tribulacións que paso por causa vosa, que precisamente elas son a vosa gloria.

**Súplica de Paulo**

[14]Por esta razón axeónllome perante o Pai, [15]de quen toma nome toda paternidade no ceo e mais na terra, [16]para que vos conceda –segundo a riqueza da súa gloria–, que se robusteza poderosamente en vós o home interior por medio do seu Espírito; [17]que Cristo habite pola fe nos vosos corazóns e que teñades a vosa raíz e o voso alicerce no amor, [18]de xeito que poidades comprender, con todo o pobo crente, o ancho, o longo, o alto e o profundo que é [19]o amor de Cristo, que supera todo coñecemento, e así quededes satisfeitos da plenitude total, que é Deus.

**Doxoloxía**

[20]A aquel que, con esa potencia que actúa en nós, pode facer moito máis –inmensamente máis– do que nós poidamos pedir ou imaxinar, [21]a El a gloria na Igrexa e en Cristo Xesús, por todas as xeracións de séculos sen fin. Amén.

## A VIDA NOVA EN CRISTO

**Unidade no amor**

**4** [1]Polo tanto, eu, preso polo Señor, pídovos que camiñedes segundo a dignidade da chamada que recibistes, [2]con total humildade, sinxeleza e paciencia, aturándovos uns a outros con amor, [3]esforzándovos por manter a unidade do espírito no vínculo da paz. [4]Hai un só corpo e un só Espírito, do mesmo xeito que se vos chamou a unha única esperanza na vosa vocación. [5]Hai un só Señor, unha soa fe, un só bautismo, [6]e un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos, por todos e en todos.

[7]A cada un de nós déusenos a graza segundo a medida do don de Cristo. [8]Por iso di a Escritura: *Subiu ao alto levando cativos, e concedeulles dons aos homes*. [9]Ese "subiu", que quere dicir senón que tamén baixou ao fondo da terra?; [10]e o que baixou, foi o mesmo que subiu á cima do ceo para enchelo todo. [11]E a uns fixoos apóstolos; a outros, profetas; a outros, mensaxeiros do Evanxeo; e a outros, pastores e mestres, [12]para fornecer cristiáns cara á tarefa do ministerio, para a edificación do corpo de Cristo, [13]ata que todos academos a unidade na fe e no coñecemento do Fillo de Deus, a madurez do home perfecto, o desenvolvemento propio da plenitude de Cristo. [14]Así xa non seremos nenos, batidos e levados á deriva polas ondas de calquera corrente de doutrina, á mercé do engano dos homes e de argucias demagóxicas, [15]senón que, sendo auténticos no amor, medraremos en todo cara a Aquel que é a cabeza, Cristo. [16]Del vén que o corpo todo –ben axustado e compacto por todas as xunturas que o alimentan, coa actividade propia de cada unha das partes–, vaia medrando, construíndose el mesmo, no amor.

**Homes novos en Cristo**

[17]Dígovos, polo tanto, e recoméndovos en nome do Señor, que non vivades máis coma os pagáns, coa mente baleira, [18]coa intelixencia entebrecida, alleos á vida de Deus, pola ignorancia que hai neles, debido á cegueira

**3**, 16 *O home interior* é o que foi renovado pola auga e o Espírito no bautismo e que recibe decote do Espírito a esperanza e a forza necesarias para anunciar con liberdade a Boa Nova, aínda que o "home exterior" vaia esmorecendo (cf 2 Cor **4**, 16).
**3**, 20 A forma literaria dos vv. 20-21 chámase "doxoloxía", por se tratar dunha exhortación a darlle gloria a Deus.
**4**, 1 Comeza aquí a parte exhortativa e moral da carta (**4**, 1-**6**, 20).
**4**, 5s Alusión trinitaria: Deus está por riba de todo; Xesús Cristo é o único Señor; e a súa comunidade a Igrexa, recibe o dinamismo do Espírito, que suscita carismas nela, en favor de todo o corpo.
**4**, 8 Sal **68**, 19.
**4**, 11 Os diversos servizos en favor de todo o corpo son os dons que Xesús lle procura a súa comunidade, para ben de todos (cf nota aos vv. 5s).

do seu corazón. [19]Os tales volvéronse insensibles, entregáronse ao vicio ata practicaren insaciablemente toda clase de inmoralidades.

[20]Vós, porén, non foi así como coñecestes a Cristo. [21]Supoño que vos falaron del e que vos ensinaron o que responde á verdade en Xesús; [22]isto é, que vos ispades do home vello da vida anterior, que vai esmorecendo, seducido polos seus desexos; [23]que cambiedes a vosa actitude mental, [24]e que vistades o home novo, creado a imaxe de Deus, na xustiza e na relixiosidade auténticas.

[25]Por iso rexeitade a mentira e *dígalle cadaquén a verdade ao seu próximo*, porque somos membros uns dos outros. [26]*Anoxádevos, pero non cheguedes a pecar*; que o sol por non vos colla no voso incomodo, [27]nin lle deades entrada ao demo.

[28]O que antes roubaba, que non roube máis e que se esforce en traballar honradamente coas súas mans, para poder compartir co necesitado. [29]Que non saia da vosa boca unha palabra ruín: ao contrario, a palabra boa, para a edificación no momento preciso, para que lles faga ben aos que escoitan.

[30]Non aflixades o Santo Espírito de Deus, que vos selou para o día da redención. [31]Arredade de vós toda retranca, carraxe, ira, berros ou aldraxes e calquera outra maldade; [32]máis ben sede bondadosos e misericordiosos uns cos outros, perdoándovos mutuamente, como Deus vos perdoou en Cristo.

**5** [1]Facédevos, logo, imitadores de Deus, como fillos queridos, [2]e camiñade no amor, igual ca Cristo, que vos amou e que se entregou por nós como ofrenda e vítima a Deus, de recendo agradable.

[3]De inmoralidades ou de cobizas que nin sequera se fale entre vós, como corresponde a cristiáns. [4]Nin haxa tampouco groserías, estupideces ou vulgaridades: son cousas que non proceden. En vez diso dádelle grazas a Deus. [5]Tede por certo que quen se dea á prostitución, á inmoralidade ou á cobiza (que é unha idolatría) non herdará o Reino de Cristo e de Deus.

### Vivir "na luz"

[6]Que ninguén vos engaiole con palabras baleiras, que por estas cousas vén a ira de Deus sobre os fillos rebeldes. [7]Non vos fagades cómplices delas, [8]porque antes si, erades tebras pero agora sodes luz no Señor. Así que andade como fillos da luz, [9](porque a luz é toda bondade, xustiza e verdade), [10]tendo en conta o que lle agrada ao Señor. [11]E non compartades as obras estériles das tebras; polo contrario, denunciádeas, [12]que do realizado por eses tales ás agachadas dá vergonza mesmo falar. [13]Pero todo iso, cando o delata a luz, queda ao descuberto, [14]pois todo o que se manifesta é luz. Por iso se di:

*Acorda, ti que estás a durmir,*
*érguete do medio dos mortos*
*e Cristo iluminarate*.

### Normas concretas de conduta

[15]Mirade, logo, con tino como camiñades: non coma atolados senón coma sensatos, [16]aproveitando ben este tempo, que corren días malos. [17]Por iso, non sexades irreflexivos: ao contrario, tratade de comprender cal é a vontade do Señor.

[18]Non vos emborrachedes con viño, que leva á libertinaxe; en vez diso enchédevos de Espírito, [19]falando entre vós con salmos, himnos e cánticos espirituais, cantando e salmodiando con toda a alma para o Señor, [20]e dándolle grazas decote a Deus Pai, por todo, no nome do noso Señor Xesús Cristo.

### As relacións domésticas

[21]Sede ben guiados uns cos outros por respecto a Cristo: [22]as mulleres sométanse aos propios maridos, como se fosen o Señor,

**4**, 22ss Empregando o simbolismo bautismal (o neófito deixaba a roupa que tiña e vestía unha túnica nova, de cor branca), exhórtase aos cristiáns a deixaren de lado os criterios mundanos (propios do "home vello") e levar unha vida consecuente coa renovación bautismal (vida de "home novo": cf Col **3**, 9b-10).

**4**, 25 Zac **8**, 16.

**4**, 26 Sal **4**, 5 (LXX).

**4**, 30 A existencia cristiá, comezada no bautismo, é unha vida na alegría do Espírito. Cando as nosas actuacións non responden aos compromisos bautismais, provocámoslle mágoas ao Espírito, porque Deus non é insensible á actitude dos homes.

**5**, 2 ... *por nós*. Algúns manuscritos ofrecen a variante "por vós".

**5**, 13 Normalmente o que fai cousas malas foxe da luz (cf Xn **3**, 20-21 e nota a **3**, 2; cf 1 Tes **5**, 4-8). Desta actitude tómase ocasión para xustificar a esixencia de desenmascarar as obras ruíns feitas ás agachadas.

**5**, 14 Cf Is **26**, 19.

**5**, 19s Cf Col **3**, 16-17.

**5**, 21ss Nunha situación sociolóxica de preponderancia do home sobre a muller, na que segundo a Lei xudaica o home podía abandonala cando vía nela algunha inconveniencia (cf Dt **24**, 1-4), o autor da Carta, fundamentándose na unión agarimosa de Cristo coa Igrexa, exhorta á compenetración do marido coa muller, transixindo no predominio do marido –daquela incontestable–, para esixir del un amor á muller semellante ao que Cristo ten á súa Igrexa.

[23]pois o marido é cabeza da muller, como tamén Cristo é cabeza da Igrexa, o salvador do corpo. [24]E, como a Igrexa se somete a Cristo, así tamén as mulleres aos seus maridos, en todo.

[25]Homes, amade as vosas mulleres, como tamén Cristo amou a Igrexa e se entregou por ela [26]para santificala, purificándoa co baño de auga na palabra, [27]e para presentala deste xeito diante de si, radiante, sen lixo nin engurra nin cousa polo estilo, senón santa e inmaculada. [28]Así deben tamén os maridos amar as súas mulleres coma os seus propios corpos. Quen ama a súa muller, ámase a si mesmo, [29]porque ninguén odiou endexamais a súa propia carne, senón que a mantén e aquece, como fai Cristo coa Igrexa, [30]porque somos membros do seu corpo.

[31]Por iso *deixará o home a seu pai e mais a súa nai e unirase á súa muller e serán os dous un só corpo*. [32]Grande misterio é este e eu refíroo a Cristo e á Igrexa. [33]En calquera caso, todos e cada un de vós, debe amar a súa muller como a si mesmo; e a muller, que respecte o seu marido.

**6** [1]Os fillos, obedecede a vosos pais no Señor, que iso é de razón.

[2]*Honra a teu pai e a túa nai*, é o primeiro mandamento que trae emparellada unha promesa: [3]*de xeito que todo che saia ben e vivas moitos anos na terra*. [4]E vós, pais, non sexades rigorosos de máis cos vosos fillos; non: educádeos na disciplina e na doutrina do Señor.

### Escravos e amos

[5]Escravos, obedecede escrupulosamente aos vosos amos neste mundo con sinceridade coma a Cristo; [6]e non só para que vos vexan, para compracer os homes, senón como escravos de Cristo que cumpren de corazón a vontade de Deus, [7]servindo de boa gana, como se fose ao Señor e non a homes, [8]sabendo que quen fai o ben, escravo ou libre, recibirá recompensa do Señor. [9]E vós, amos, facede o mesmo con eles, prescindindo de ameazas, sabendo que eles e vós tedes un Señor no ceo, e que El non anda con favoritismos.

### A vida cristiá como combate

[10]E remato. Fortalecédevos no Señor e na puxanza do seu poder. [11]Revestídevos da armadura de Deus, para que poidades resistir as estrataxemas do demo. [12]Porque non é a nosa loita contra homes de carne e óso senón contra os principados, contra as potestades, contra os que dominan neste mundo tenebroso, contra os espíritos do mal, que andan polo aire.

[13]Por iso, collede a armadura de Deus para lles poder facer fronte no día malo, e, despois de superalo todo, quedar aínda en pé. [14]Estade, logo, en pé: *cinguídevos co cinto da verdade, revestidos coa coiraza da xustiza* [15]e calzados os pés *co afervoamento do Evanxeo da paz*. [16]Tede sempre no brazo o escudo da fe, que con el poderedes apagar todos os dardos incendiarios do maligno. [17]Collede *o casco da salvación e a espada do Espírito, que é a palabra de Deus*, [18]con toda clase de oracións e de súplicas, orando decote no Espírito e velando por iso con asiduidade e súplicas por todos os cristiáns, [19]e tamén por min, co fin de que se me dea a palabra en abrindo a miña boca, para anunciar abertamente o misterio do Evanxeo, [20]do que son pregoeiro, mesmo na cadea; que teña valor para anuncialo abertamente, como debo.

### Despedida

[21]Para que tamén vós saibades que é de min e como me vai, informaravos de todo iso Tíquico, o noso irmán benquerido e axudante fiel no Señor. [22]Mándovolo para que saibades de nós e para que vos anime.

[23]Paz aos irmáns e amor con fe, de parte de Deus Pai e do Señor Xesús Cristo. [24]Que a graza acompañe a todos os que aman ao noso Señor Xesús Cristo con amor indefectible.

**5**, 26 Alusión ao bautismo: a inmersión na auga ía precedida da evanxelización e acompañada da profesión de fe e da fórmula bautismal.
**5**, 31 Xén **2**, 24.
**6**, 1 Col **3**, 20-21.
**6**, 2s Éx **20**, 12; cf Pr **6**, 20.
**6**, 5 Nunha situación na que os fillos pequenos non se diferenciaban dos escravos (cf Gál **4**, 1-2), Paulo pídelles a estes a submisión do corazón; e rógalles aos amos que os traten con agarimo, porque hai un Señor de todos no ceo, para quen son tan dignos de consideración os escravos coma os libres (v. 9; cf Flm 16-17).
**6**, 12 *Homes de carne e óso*: lit. "sangue e carne".
*Que andan polo aire*: lit. "que están nos ceos" (cf nota a **2**, 2).
**6**, 14 Cf Is **11**, 5; **59**, 17.
**6**, 15 Cf Is **52**, 7.
**6**, 17 Cf Is **59**, 17.
**6**, 19 *Se me dea*: pasivo teolóxico (para evitar o uso do nome de Deus), equivalente a "Deus me dea".

# INTRODUCIÓN Á CARTA AOS FILIPENSES

**1. Destinatarios**

*No nordés da Grecia de hoxe e da Macedonia daquel momento, a cidade de Filipos debe o seu nome a que no século IV a. C. a conquistara Filipo de Macedonia (pai de Alexandre Magno), tirándoa do poder dos naturais da veciña illa de Tasos. No 168 a. C. incluíuna no Imperio Romano o cónsul Paulo Emilio. No outono do 42 a. C. neste lugar costeiro librouse a famosa batalla de Filipos que, perdida polos asasinos de César (Bruto e Casio), sinala a desfeita definitiva do partido republicano romano.*

*Esta cidade macedónica parece ser a primeira de Europa que recibe a prédica evanxélica (Feit* ***16****, 6-40). Debeu ser no 49 ou 50 d. C., na segunda viaxe de Paulo.*

**2. Data e lugar**

*Esta carta escribiuna Paulo na cadea, non como adoitaba pensarse antes en Roma, senón probablemente en Éfeso entre o 55 e o 57 (Feit* ***19****, 10) algo antes das cartas aos Corintios. Os cristiáns de Filipos mandáronlle alí a Epafrodito, para que o atendese (****2****, 30) e lle levase algúns cartos (****4****, 10. 14. 18). No momento de escribir esta carta aínda non se deu a sentenza e non se sabe se o condenarán a morte ou se o ceibarán. Paulo, con todo, aproveita para espallar o Evanxeo e chega a facer prosélitos entre os militares que o custodian e que nesta carta mandan saúdos (****4****, 22).*

**3. Circunstancias e contido**

*Nesta cidade de Éfeso, que tiña a chave do comercio con Fenicia e Siria, Paulo sabe que por Filipos andan tamén os xudaizantes tratando de que os novos cristiáns se sometan á Lei xudaica. O mesmo perigo que, tamén nestes anos, axexa aos gálatas. Mesmo así, Paulo está máis seguro dos de Filipos ca dos da Galacia (****1****, 3-7;* ***2****, 12;* ***4****, 1); e o aire da Carta é aquí máis cálido.*

*Paulo aproveita para lembrarlles aos filipenses que deben corrixir as súas pequenas divisións e enterrar o espírito de porfía.*

*Esta é, como se ten dito, a "carta da alegría cristiá" xa que se insiste nela, mesmo ante a perspectiva da morte que ameaza a este preso que a escribe.*

# CARTA AOS FILIPENSES

**Encabezamento**

**1** [1]Paulo e Timoteo, servidores de Xesús Cristo, a todos os crentes en Cristo Xesús que vivides en Filipos e mais aos vosos encargados e diáconos: [2]desexámosvos a graza e paz de Deus noso Pai e do Señor Xesús Cristo.

**Acción de grazas a Deus pola comunidade de Filipos**

[3]Doulle grazas ao meu Deus por todo o que me acordo de vós. [4]Sempre que rezo por vós, fágoo con alegría, [5]pola parte que vides tomando na difusión do Evanxeo desde o primeiro día ata hoxe. [6]Eu confío en que o que iniciou en vós un traballo bo, halle de ir dando cabo de aquí ao día de Cristo Xesús. [7]E é xusto que eu pense así, porque vos levo no corazón; a vós, que tanto que eu estea preso como que estea a defender e a consolidar o Evanxeo, participades todos na graza da miña misión. [8]Ben sabe Deus con que morriña cristiá vos boto a faltar aquí! [9]E na miña oración pido que o voso amor reborde de penetración e de sensibilidade para todo: [10]así poderedes acertar co mellor para chegardes limpos e sen chata ao día de Cristo Xesús, [11]e cheos do froito da xustiza que se consegue por medio de Xesús Cristo para gloria e loanza de Deus.

**Situación persoal de Paulo**

[12]Quero que saibades, irmáns, que o que me está a pasar, máis ben aproveitou ao espallamento do Evanxeo. [13]Porque na residencia do gobernador e nos outros sitios, todo o mundo sabe que estou preso por ser cristián, [14]e a maior parte dos irmáns, ao colleren da miña prisión azos para confiar no Señor, métense moito máis a anunciar a palabra de Deus sen medo. [15]Hai, de certo, algúns que predican a Cristo por meteren envexa e por me faceren a competencia. Pero outros fano de boa fe. [16]Estes, porque me queren e saben que eu estou posto para a defensa do Evanxeo; [17]aqueles anuncian a Cristo á retesía, con mala intención, coa idea de me faceren máis duro o meu encadeamento. [18]Pero que máis ten? O importante é que, dunha maneira ou da outra, con boa idea ou sen ela, vaise anunciando a Cristo, e diso alégrome. Máis aínda: continuarei alegrándome, [19]porque sei ben que, grazas ás vosas oracións e ao Espírito de Xesús Cristo que me patrocina, «todo me ha de ser para ben». [20]Esta é a miña arela e a miña esperanza: que en nada vou saír fracasado, senón que, con toda seguridade, agora coma sempre, manifestarase a grandeza de Cristo na miña persoa, tanto que eu siga vivindo como que morra.

[21]Porque para min a vida é Cristo; e morrer, unha ganancia. [22]Ora ben, como vivir neste mundo me permite traballar con proveito, non sei o que escoller. [23]As dúas cousas tiran por min: quería morrer para estar con Cristo, pois sería moitísimo mellor. [24]Mesmo así, por vós, cómpre que eu fique neste mundo; [25]e así coido que vou ficar e seguir onda vós, para axudar a que adiantedes alegres na fe, [26]co fin de que o orgullo de serdes cristiáns reborde xa por causa miña, coa miña presenza outra vez cabo de vós.

**A loita pola fe**

[27]Unha cousa só: mirade de vos comportar conforme ao Evanxeo de Cristo, para que, tanto que vos vaia ver como que quede lonxe, eu sinta falar de que vos mantedes firmes nun mesmo espírito e que, todos de acordo, loitades xuntos pola fe do Evanxeo, [28]sen vos deixardes acovardar polos que vos fan a contra: cousa que para eles é un sinal de condenación e para vós é de salvación; e todo por obra de Deus. [29]Porque a vós, por Cristo, concedéusevos o privilexio, non só de crerdes nel, senón tamén de padecerdes por El, [30]enlizados como estades na mesma loita en que me vistes a min e na que agora sabedes de oídas que aínda ando metido.

**1**, 1 *Crentes*: cf nota e Ef **1**, 1. *Encargados e diáconos*: lit. "bispos e diáconos". Os "bispos" que aquí saúdan non son aínda coma os nosos: son os que dirixen cada comunidade.
**1**, 6 *O día de Cristo Xesús* é o día do Xuízo Final. Repíteo en **1**, 10 e **2**, 16.
**1**, 7 *Na graza da miña misión*: lit. "na miña graza". Paulo considera os filipenses particularmente unidos a el e ao privilexio da súa misión.
**1**, 13 Refírese aos empregados da residencia do gobernador (se escribe desde Éfeso) ou á garda pretoriana (se escribe desde Roma, como algúns supoñen).
**1**, 25 Paulo albisca que vai saír absolto deste proceso. Pero en **2**, 17 vólvenlle dúbidas.
**1**, 29-30 Parece indicar que dalgún xeito tamén os filipenses padecen certo tipo de persecución.

### Harmonía na unidade

**2** [1]Así que, se vale de algo o alento que recibides en Cristo, se vos anima o amor
mutuo, se hai comuñón no Espírito e se hai
sentimentos en vós de agarimo e misericordia, [2]facede completa a miña alegría, levándovos ben, tendo un mesmo amor, unha soa
alma, unha mesma idea. [3]Non fagades nada á
retesía nin por fachenda. Que cadaquén pense humildemente que os outros son máis ca
el. [4]Non mirar cada un polo que lle ten conta
a el, senón tamén polo que llela ten aos outros.

### O exemplo de Cristo

[5]Tede entre vós a mesma actitude de Cristo Xesús.

[6]El, con ser de condición divina,
non se agarrou cobizosamente
á súa categoría de Deus;
[7]senón que se espiu do seu rango,
asumiu a condición de escravo,
fíxose un home normal
e presentouse como tal;
[8]abaixouse a si mesmo,
facéndose obediente ata a morte,
e a morte na cruz!
[9]Por iso tamén Deus o exaltou sobre todo
e lle concedeu un título
que está por riba de calquera título:
[10]de xeito que ante o título de Xesús
se dobre todo xeonllo
no ceo, na terra e mais no abismo,
[11]e toda lingua proclame
para gloria de Deus Pai
que Xesús Cristo é o Señor.

### Traballar pola salvación

[12]De maneira que, meus amigos, igual que sempre me fixestes caso, traballade con temor e tremor pola vosa salvación non só na
miña presenza, senón moito máis agora na
miña ausencia. [13]Deus efectivamente é quen
activa en vós tanto o querer coma o facer,
conforme o seu bondadoso designio. [14]Facede todas as cousas sen rosmar nin discutir, [15]para serdes sen chata e sinxelos, "fillos
de Deus sen mancha no medio dunha xente
raposeira e atravesada", onde vós relucides
como fachos no universo, [16]presentando a palabra da vida. Dese xeito o día de Cristo eu
voume poder gabar de que nin corrín ás toas
nin me cansei en balde. [17]Mais, aínda que
verta o meu sangue como libación nun sacrificio ao servizo da vosa fe, estou alegre e asóciome á vosa alegría. [18]Pois vós, o mesmo:
estádeme alegres e unídevos á miña alegría.

### Timoteo

[19]Coa axuda do Señor Xesús espérovos mandar axiña a Timoteo, para me animar eu
tamén recibindo noticias vosas; [20]que non
teño ninguén coma el que mire lealmente polas vosas cousas, [21]pois todos andan á
súa comenencia, non á de Xesús Cristo. [22]En
cambio el, xa sabemos ben como é: que se
puxo comigo ao servizo do Evanxeo, coma
un fillo co seu pai. [23]Así que, nada máis ver
eu claramente que é o que vai ser de min,
vóuvolo mandar. [24]Mesmo así, espero no Señor ir eu tamén axiña.

### Epafrodito

[25]Por outra parte, coidei que cumpría mandarvos de volta a Epafrodito, irmán, colaborador e camarada meu, que vós me mandastes
para atenderme na miña necesidade. [26]El tiña
morriña de todos vós e andaba amolado porque chegastes a saber da súa doenza, [27]pois
enfermou e mesmo houbo de morrer. Pero
Deus tivo dó del. Vaia, non só del, senón de
min tamén, para que non me viñese unha desgraza enriba da outra. [28]Así que volo mando
ben axiña, para que, ao velo, volvades estar
alegres e eu me sinta máis acougado. [29]Recibídeo, logo, no Señor con toda alegría e estimade a homes coma el, [30]que estivo a piques
de morrer pola causa de Cristo, arriscando a
súa vida para me prestar na vosa ausencia os
servizos que vós non me podiades prestar.

**2**, 2 Esta insistencia en reclamar o amor é indicio das divisións internas na comunidade de Filipos. Ver **4**, 2 e todo o c. **3**.
**2**, 3 Espírito de porfía, teima e rivalidade, que mina as boas relacións. Algo disto tamén pasa onde está Paulo: **1**, 15-18.
**2**, 5-11 Os vv. 6-11 forman un himno, case con seguridade anterior a Paulo. Cristo non se agarrou á súa divindade como algo que se cobiza, que se atrapa e que non se solta: El baleirouse. A palabra é forte e nela apoiáronse os que negaron a divindade de Xesús. Outros din que se trata da gloria que lle correspondería á condición de Deus, tal coma na transfiguración (Mt **17**, 1-8). O fundamental é que Cristo, feito home, colleu o camiño da submisión e da obediencia.
**2**, 9 *Título*: lit. "nome"; cf Heb **1**, 4.
**2**, 10 Is **45**, 23; cf 2 Cor **7**, 15; Ef **6**, 5. *Ceo, terra* e *abismo* significan o universo enteiro. Moi probablemente como aire, terra e lume no tríscele dos petróglifos galegos e bretóns, o Zeus, Poseidón e Hades dos gregos. Ver tamén Ap **5**, 3-13.
**2**, 17 *Aínda que verta...*: Lit. "Aínda que me verta como libación nun sacrificio". Paulo alude ao costume xudeu e grego das libacións nos sacrificios, aplicándoo ao culto espiritual dos tempos novos.
**2**, 25 *Epafrodito*: cristián de Filipos. Ver Introd. É o Épafras de Col **1**, 7; **4**, 12 e Flm **2,3**?

## ATAQUE AOS XUDAIZANTES

### O ideal que propoñen fora o de Paulo

**3** [1]Do resto, meus irmáns, estade alegres no Señor. Repetirvos o dito noutras ocasións, a min non me custa, e a vós dávos seguranza. [2] Ollo aos cans! Ollo aos obreiros de moita parola e pouco traballo! Ollo á falsa circuncisión! [3]Porque a circuncisión verdadeira, esa sómola nós, que, impulsados polo Espírito, damos culto a Deus e poñemos a nosa gloria en Cristo Xesús, sen confiarmos en criterios externos. [4]Aínda que, por confiar, eu tiña en que confiar, incluso en criterios externos. Se alguén coida que el ten en que confiar conforme eses criterios, eu teño máis: [5]circuncisión aos oito días; do pobo de Israel; da tribo de Benxamín, nacido e criado hebreo; en canto á Lei, fariseo; [6]en canto a celo, perseguidor da Igrexa; en canto á xustiza que manda a Lei, home sen chata.

### Pero renunciou a el

[7]Mais todo o que daquela era para min un proveito, estimeino, por causa de Cristo, unha perda. [8]Máis aínda, todo me parece perda comparado co grande que é coñecer a Cristo Xesús, o meu Señor. Por El tirei con todo e doulle tanto valor coma ao lixo, con tal de gañar a Cristo [9]e de vivir nel; non por ter unha xustiza miña propia por cumprir a Lei, senón pola xustiza que se recibe como resposta á fe.

[10]Así podereino coñecer a El, experimentar a forza da súa resurrección e solidarizarme cos seus sufrimentos, reproducindo en min a súa morte, [11]para ver de chegar eu tamén á resurrección dos mortos.

[12]Non é que eu xa chegase á meta nin que xa chegase á perfección. Non. Eu aínda vou correndo, a ver se a alcanzo, xa que tamén eu fun alcanzado por Cristo Xesús. [13]Irmáns, eu non boto de conta que a alcanzara. Velaquí o único que fago: esquezo o que quedou atrás, lánzome cara ao que está diante, [14]bulo para pillar o premio ao que Deus desde arriba nos convoca en Cristo Xesús.

[15]Todos os perfectos, polo tanto, pensamos así. E se nalgún punto pensades doutro xeito, Deus hávolo esclarecer. [16]Fóra disto, a onde queira que chegásemos, sigamos na mesma liña.

### Seguir o exemplo de Paulo

[17]Irmáns, seguide todos o meu exemplo e reparade nos que camiñan conforme o modelo que tedes de nós. [18]É que moitos –dos que xa vos teño falado e agora falo a chorar– pórtanse como inimigos da cruz de Cristo. [19]Esa xente vai acabar na perdición: o Deus dela é o bandullo; o orgullo dela está na vergonza: xente que só se interesa polas cousas terreais. [20]Pero a nosa patria está no ceo, de onde nós agardamos un salvador, Xesús Cristo, o Señor. [21]El ha transformar o noso pobre corpo, reproducindo en nós a gloria do seu propio corpo con ese poder que lle permite someter incluso o mesmo universo.

**4** [1]Polo tanto, meus irmáns tan queridos e por quen sinto saudades, miña alegría e coroa, seguide así firmes no Señor, queridiños!

**3**, 1 Este c. ten unidade e coherencia, de xeito que hai quen pensa que se trata dun anaco doutra carta metido aquí. Policarpo de Esmirna fala de varias cartas aos filipenses. É natural que, se xa a Tesalónica lle mandaran unha axuda económica (**4**, 15-16), Paulo lles escribira "acusando recibo".

**3**, 2 O texto literalmente di: "ollo aos malos obreiros". As tres chamadas de atención refírense aos cristiáns de orixe xudía que preconizaban a necesidade de se someter á circuncisión (Paulo di, un pouco despectivamente, "mutilación"; nós traducimos "falsa circuncisión", o cal aparecerá ben claro no v. seguinte) para se salvar: os xudaizantes. O apóstolo ten que loitar contra os mesmos na Carta aos Gálatas: a necesidade da circuncisión desvalorizaría a mensaxe cristiá, porque indicaría que, a fin de contas, o que importaba sería ser xudeu.

**3**, 3 A circuncisión designaba o pobo escolleito. Despois de Xesús, constitúeno os cristiáns. Por iso: "a circuncisión sómola nós".

**3**, 4-6 *Criterios externos*: lit. "na carne". Paulo presenta o seu caso. El foi tan xudeu ou máis ca ninguén. E, a pesar diso, considera todo aquilo hoxe en día como cousa sen valor.

A tribo de Benxamín tiña máis categoría, porque no seu territorio estaban a capital e mais o templo (Xerusalén). Aínda que Paulo nacera en Tarso (Cilicia), de Xerusalén viña e alí se educou.

**3**, 9 A contraposición das dúas xustizas é o tema central das cartas a Romanos e Gálatas. A xustiza da Lei é "súa", pois baseábase no propio esforzo e dáballe esa insolente seguranza, tipicamente farisaica, de que Deus tiña que salvalo. A xustiza que predica agora Paulo é a xustiza de Deus, a que Deus dá como resposta á nosa fe.

**3**, 12 Alusión a Damasco (Feit **9**, 3s), onde se converte de perseguidor en predicador do Evanxeo.

**3**, 15-16 *Os perfectos* son os que chegaron a un nivel adiantado na vida cristiá sen que, por iso, sexan impecables (cf 1 Cor **2**, 6 e Heb **5**, 14).

# CONSELLOS

### Levarse ben

[2]Recoméndolles a Evodia e mais a Síntique que se entendan, como cristiás que son. [3]E tamén a ti, meu leal compañeiro de traballo, pídoche que lles botes unha man: que elas loitaron canda min polo Evanxeo xunto con Cremenzo e outros colaboradores meus que teñen o seu nome no Libro da Vida.

### Estar alegres

[4]Estade sempre alegres no Señor. Repítovolo: estade alegres. [5]Que todo o mundo vexa o bos que sodes. O Señor está a chegar. [6]Non desacouguedes por cousa ningunha. En todo presentádelle a Deus as vosas peticións con oracións de súplica e acción de grazas. [7]E a paz de Deus, que supera toda intelixencia, custodiará os vosos corazóns e os vosos pensamentos en Cristo Xesús.

### Solidarizarse con todo o bo

[8]Do resto, meus irmáns, todo o que sexa verdadeiro, todo o que sexa nobre, todo o que sexa xusto, todo o que sexa limpo, todo o que sexa estimable, todo o que sexa honroso, calquera virtude ou mérito que haxa, iso é o que debedes estimar. [9]O que aprendestes, recibistes, oístes e vistes en min, iso é o que tedes que levar á práctica. E o Deus da paz irá convosco.

### Agradecemento

[10]Moito me alegrei no Señor de que por fin abrollase o voso interese por min. Ter xa o tiñades, pero non tiñades a ocasión de o manifestar. [11]Non volo digo pola miña pobreza, que eu aprendín a gobernarme nas situacións en que estea. [12]Hoxe sei vivir na miseria e na fartura. En calquera situación estou ensinado para estar farto e para pasar fame; para ter abondo e para non ter nada. [13]Teño forzas para todo, grazas a quen me fai forte. [14]Mesmo así, fixestes ben en tomardes como vosa a miña dificultade.

[15]Vós, os de Filipos, sabedes tamén que desde que saín de Macedonia, no comezo da evanxelización, ningunha Igrexa tivo comigo nada que anotar no libro de ingresos e gastos, fóra de vós: os únicos. [16]Porque xa a Tesalónica me mandarades máis dunha vez algo para as miñas necesidades. [17]Non é que eu ande á pedicha do agasallo: procuro só que os intereses se acugulen na vosa conta. [18]Acuso recibo de todo e teño de abondo. Quedei ben provisto ao recibir de Epafrodito o que viña de vosa parte, agradable recendo, sacrificio aceptable e que lle prace a Deus. [19]O meu Deus, pola súa parte, cubrirá todas as vosas necesidades, conforme a súa riqueza con magnificencia en Cristo Xesús. [20]Gloria a Deus, noso Pai, polos séculos dos séculos. Amén.

### Lembranzas e remate

[21]Moitos saúdos a todos os crentes en Cristo Xesús. Recordos dos irmáns que están comigo. [22]Mándanvos un saúdo todos os consagrados e, en especial, os que están ao servizo do César. [23]A graza do Señor Xesús Cristo vaia convosco. Amén.

**4**, 2 *Evodia* e *Síntique* eran dúas mulleres cristiás de Filipos, que non se levaban: Paulo pídelles que se poñan a ben.
**4**, 3 A que compañeiro se refire: Epafrodito, Timoteo, Lucas...? A verba grega "Sidsigo", que quere dicir compañeiro, pode ser tamén nome propio. Paulo, ás veces, fai xogos de palabras deste tipo: cf Flm 11.
**4**, 5 A segunda vinda do Señor é tema constante da Igrexa primitiva: a Parusía: cf 1 Cor **16**, 22; 1 Pe **4**, 7.
**4**, 8-14 Son estas unhas palabras con recendo estoico. Ata se chegou a falar dunha correspondencia entre Paulo e Séneca, da que nada certo se puido saber.
**4**, 18 Utiliza un verbo da fala comercial daquel tempo. A segunda parte deste v. está, en cambio, tirada da linguaxe de sacrificio do A. T.: cf Xén **8**, 21; Ez **20**, 41.
**4**, 22 Trátase de funcionarios civís e militares ao servizo do César, posiblemente os seus gardas.

# INTRODUCIÓN Á CARTA AOS COLOSENSES

## 1. Data

*Xunto coa Carta aos Filipenses, a Carta aos Efesios e a Carta a Filemón, a Carta aos Colosenses integra o conxunto das chamadas "cartas da cativIdade", é dicir, as que aparecen escritas estando Paulo na cadea (Col **4**, 3-18). Discútese se era a de Roma (entre os anos 61-63), ou a de Éfeso (do 54 ao 57). E aínda hai quen coloca a Carta moito máis tarde, na xeración postapostólica, a finais do século I.*

## 2. Ocasión e contido

*Esta cidade, Colosas, era unha vila comercial de Frixia, localizada moi preto de Hiérapole e de Laodicea, a uns 190 km de Éfeso. Paulo non estivera alí nin fundara a comunidade cristiá que funcionaba na vila (**2**, 1). Fora Epafras quen lles levara a Boa Nova (**1**, 7; **4**, 12-13).*

*Estando na cadea, Paulo recibiu novas da situación dos crentes de Colosas. Certamente non tiña moita queixa. O Evanxeo "dá froitos e medra, desde o día que escoitastes e coñecestes de verdade a graza de Deus" (**1**, 6); podía choutar de ledicia "da boa orde que, polo que vexo, reina entre vós e da firmeza da vosa fe en Cristo" (**2**, 5). E non se pode pensar que fosen verbas baleiras e engaiolantes, non.*

*Porén, non todo facía sorrir con satisfacción. Como foi cousa corrente en todas as comunidades cristiás dos primeiros tempos, tamén en Colosas xurdían certos feitos e doutrinas que podían botar por terra os esforzos do comezo e tallar ou torcer o axeitado desenvolvemento na fe, no coñecemento e na práctica da vida cristiá.*

*Non é doado darlle un nome á corrente de "filosofías e sutilezas sen contido" (**2**, 8a) que alguén teimaba por introducir na comunidade. Poida que fose un pregnosticismo, no que se mesturaban tendencias de fondo xudeu con principios derivados de certas filosofías gregas. A tal corrente, baseada con "argumentos capciosos" (**2**, 4) nas tradicións dos homes, nos elementos deste mundo e non en Cristo" (**2**, 8b), ofrecía unha plenitude que se debía apreixar á forza de "culto aos anxos, visións de visionarios" (**2**, 18); a isto xunguíase un ascetismo réspeto –"non collas, non probes, non toques..." (**2**, 21)–, cunha sensibilidade moi achegada ás tendencias xudías combatidas por Paulo noutras circunstancias (**2**, 16-20).*

*De por si, a cousa era engaiolante polo seu atractivo de sabedoría, humildade e severidade (**2**, 23): non obstante, arredaba e desprazaba a Cristo do posto central que debería ter na fe, no coñecemento, na plenitude do crente. Iso era moi serio. Paulo repúxose deseguida e ofreceulles aos fieis de Colosas a única fonte onde eles podían calmar a sede de perfección que os aburaba: Cristo. Por El "fixéronse as cousas da terra e tamén as do ceo" (**1**, 16a), "de xeito que en todo sexa sempre o primeiro" (**1**, 18c), "porque nel quixo Deus habitar, coa súa plenitude" (**1**, 19). Os cristiáns poden ser parceiros dela (**2**, 9-10), coa condición de se apegaren á cabeza (**2**, 19), Cristo, e de camiñaren nel, arraigados e construídos nel, fortalecidos na fe que aprenderan (**2**, 7). Cunha terminoloxía nitidamente paulina, trátase de vivir conforme lle corresponde a quen está "circuncidado", pero en Cristo (**2**, 11), a quen con el quedou sepultado e con el resucitará, a quen el gratuitamente fixo participar da vida que acadou polo triunfo na cruz (**1**, 20; **2**, 14-15).*

*No sitio da ascese proposta polos perturbadores de Colosas, Paulo amósalles unhas esixencias cristiás de seu (**3**, 1-17), camiño verdadeiro para chegaren a un coñecemento total (**3**, 10). A elas engade certos preceptos concretos, aplicables máis ben á vida de familia (**3**, 18-4,1).*

## 3. Autenticidade

*É ou non é de Paulo a carta? É só en parte? Os argumentos que se propoñen contra a autenticidade paulina do escrito –estilo e vocabulario diferente, nova cristoloxía cósmica, ausencia do Espírito como promotor da vida cristiá etc.– son fortes, de certo; pero non exclúen a posibilidade da afirmación tradicional que ve en Paulo o autor da carta. O feito de que o Apóstolo teña que facer fronte a novos movementos doutrinais que amosaban unha linguaxe típica, podería xustificar as relativas novidades que na lingua e no contido ofrece esta Carta aos Colosenses.*

# CARTA AOS COLOSENSES

### Saúdo e introdución

**1** [1]Paulo, apóstolo de Xesús Cristo pola
vontade de Deus e mais o irmán Timoteo, [2]aos santos e fieis irmáns en Cristo Xesús
que viven en Colosas: desexámosvos a graza
e paz de Deus, noso Pai.

### Acción de grazas

[3]Dámoslle grazas a Deus, o Pai do noso
Señor Xesús Cristo, rezando decote por vós,
[4]desde que nos chegou a nova da vosa fe en
Cristo Xesús e do amor que lles tedes a todos os cristiáns, [5]por mor da esperanza de
quen vos agarda alá no ceo: esa esperanza
da que oístes falar na palabra de verdade do
Evanxeo [6]que chegou ata vós. Tamén entre
vós, coma en todo o mundo, o Evanxeo dá
froitos e medra desde o día que escoitastes e
coñecestes de verdade a graza de Deus, [7]tal e
como volo ensinou Épafras, o noso benquerido compañeiro de servizo, fiel servidor de
Cristo no noso lugar: [8]tamén el nos deu novas
do amor que pon en vós o Espírito.

[9]Por esta razón tamén nós, desde o día
en que soubemos disto, non deixamos de
rezar por vós. Pedímoslle a Deus que vos
encha do coñecemento da súa vontade, con
todo o saber e intelixencia que dá o Espírito. [10]Así daredes como froitos toda clase
de obras boas e medraredes no coñecemento de Deus; [11]estaredes fortalecidos en todo
coa súa potencia magnífica, para serdes con
ledicia pacientes e constantes a toda proba;
[12]e darédeslle grazas ao Pai, que nos fixo
merecentes de participar na herdade dos
santos, na luz.

## SECCIÓN DOUTRINAL

### Cristo, misterio de Deus

[13]Porque El arrincounos da pouta das tebras
para nos pasar ao Reino
de seu Fillo querido,
[14]en quen nós atopamos redención,
o perdón dos pecados.
[15]El é a imaxe do Deus invisible,
de toda criatura el é o primeiro nacido,
[16]e por medio del fixéronse as cousas,
as da terra e tamén as do ceo,
as vistas cos ollos,
as por eles non vistas;
señoríos sexan ou ben maxestades,
sexan principados, tamén potestades;
el é modelo e fin do universo creado.
[17]Antes ca todo está el,
todo nel se cimenta aínda hoxe.
[18]É tamén a cabeza do corpo
–o corpo é a Igrexa–.
El é o principio,
o primeiro en nacer de entre os mortos,
de xeito que en todo
sexa sempre o primeiro.
[19]Porque nel quixo Deus habitar
coa súa total plenitude,
[20] e reconciliar así o universo
consigo, por el;
e no sangue da cruz
poñer paz entre os seres da terra
e do ceo, servíndose del.

**1**, 4-5 *Fe..., amor..., esperanza*: triloxía de virtudes para enmarcar a vida cristiá, que ten as preferencias de Paulo e que se repite en diferentes lugares (1 Cor **13**, 13; Ef **1**, 15-18; 1 Tes **1**, 3).

**1**, 9 *Coñecemento, saber, intelixencia*: termos que adoitan aparecer na carta e que encerran contidos moi achegados, como se verá, aos problemas presentados en Colosas, aos que Paulo tenta poñer remedio co seu escrito.

**1**, 12 *Na herdade dos santos, na luz*: expresións relativamente sinónimas, aínda que con moi diferente forza suxestiva, coas que Paulo quere aludir á nova situación de graza e salvación na que os crentes se encontran polo don de Deus.

**1**, 13-20 Estes vv. forman o coñecido himno da Carta aos Colosenses, no que se contén o cerne máis requintado da doutrina que o Apóstolo contrapón ás tendencias heterodoxas nacidas en Colosas. É moi probable que o himno xa formase parte da liturxia bautismal, aínda que poida que o retocase Paulo. O conxunto dos vv. 15-20 formaría o corpo máis primitivo, no que se dexergarían dous dípticos paralelos: vv. 15-17 e 18-20.

Na nosa tradución a forma lixeiramente poética quere lembrar o carácter hímnico da pasaxe, o que xustifica pequenas variantes.

**1**, 15 Comeza a exposición da primacía de Cristo na creación, que non consiste soamente en ser creado o primeiro, senón maiormente na súa calidade de orixe dos demais seres (vv. 16-17), e a unión sen igual con Deus, do que é a imaxe, que o fai visible aos ollos da creación (v. 15).

**1**, 18 Nesta segunda parte do himno descríbese a función salvífica de Cristo. Tamén nela actúa como primoxénito, cunha primoxenitura dinámica, na que a Igrexa atopa a posibilidade de plenitude na resurrección e reconciliación que Cristo lle participa. Cristo é o principio, a plenitude: dúas afirmacións que Paulo quere deixar ben claras, fronte á pretensión das correntes que circulaban por Colosas.

21Tamén vós estabades noutro tempo afastados e manifestabades cos vosos feitos a
vosa profunda hostilidade; 22pero agora Deus
reconciliouvos pola morte do corpo perece-
doiro do seu fillo, para vos presentar santos
diante del, sen chata e irreprensibles aos seus
ollos. 23Unicamente que debedes seguir ci-
mentados e firmes na fe e non vos arredar da
esperanza que escoitastes no Evanxeo: ese
Evanxeo que se lles predicou a todas as cria-
turas, debaixo do ceo, e do que a min, Paulo,
me fixeron servidor.

**Paulo, servidor da Igrexa**

24Agora alégrome do que teño que padecer
por vós; así completo na miña carne o que lles
falta ás penalidades de Cristo polo seu corpo,
que é a Igrexa. 25Desta Igrexa fixoseme servi-
dor cando Deus me encomendou para o voso
ben esta misión: predicar cumpridamente a
palabra de Deus, 26ese misterio escondido
desde séculos e xeracións, pero que agora se
manifesta ao seu pobo santo. 27A este pobo
quíxolle Deus amosar a espléndida riqueza
que representa para os pagáns este misterio:
que Cristo é para vós a esperanza da gloria!
28El é a quen nós anunciamos, aconsellando a
todos, adoutrinándoos o mellor que sabemos,
para facer cristiáns como é debido. 29Por isto
é polo que eu peno e loito coa axuda da súa
forza que traballa en min abondo.

**2** 1Pois quero que saibades a loita tan gran-
de que sosteño por vós e polos de Lao-
dicea e por tantos que non me coñecen per-
soalmente. 2Así atoparán consolo os seus co-
razóns, para que, ben unidos no amor, logren
a gran riqueza dunha comprensión total e
coñezan o misterio de Deus, Cristo, 3en quen
están agachados todos os tesouros da sabedo-
ría e da ciencia. 4E dígovos isto para que nin-
guén vos engane con argumentos capciosos,
5pois aínda que corporalmente estou lonxe de
vós, co espírito estou convosco, alegrándome
da boa orde que, segundo vexo, reina entre
vós e da firmeza da vosa fe en Cristo.

**As doutrinas falsas**

6Así que, do mesmo xeito que recibistes
a Cristo Xesús como Señor, camiñade agora
como cristiáns: 7enraizados nel, ídevos cons-
truíndo, fortalecéndovos na fe que se vos en-
sinou e rebordando de agradecemento.

8Ollo!, que ninguén vos enguedelle con fi-
losofías e especulacións sen contido, fundadas
nas tradicións dos homes, nos elementos des-
te mundo e non en Cristo. 9Porque nel habita
corporalmente toda a plenitude da divindade
10e nel, que é cabeza de todos os principados
e potestades, atopades vós a vosa plenitude.
11El foi quen vos circuncidou non cunha cir-
cuncisión feita coas mans dos homes, senón
librándovos dos vosos baixos instintos: esa foi
a circuncisión de Cristo. 12Sepultáronvos con
el no bautismo e tamén resucitades nel pola
fe na forza de Deus, que o resucitou de en-
tre os mortos. 13E a vós, que estabades mortos
polos vosos pecados e por non ter circuncida-
dos os vosos instintos, deuvos a vida con el.
El perdoounos todos os pecados, 14anulando a
cédula dos preceptos legais que ía contra nós:
quitouna de diante e espetouna na cruz. 15El
destituíu os principados e potestades, conver-
téndoos en espectáculo público, levándoos
como cativos no séquito triunfal da cruz.

**1**, 22 Lit. "reconciliouvos no seu corpo de carne".
**1**, 24 Pasaxe ben coñecida que, pola súa mesma fondura, recibiu variadas interpretacións complementarias. A obra salvadora de Cristo foi completa, certamente, pero non por iso os cristiáns teñen razón para escudir o sufrimento, que nas súas vidas vai facendo realidade a salvación total do corpo de Cristo.
**1**, 27 Cristo é o misterio de Deus, é dicir, a persoa na que se cumpre con claridade o plan cheo de agarimo que Deus tivo a ben artellar en prol dos homes. Deste xeito, Cristo convértese no baseamento de toda esperanza, aínda para aqueles que pola súa calidade de xentís, de marxinados, estaban totalmente arredados da salvación.
**2**, 2 O final do v. ten variacións: "misterio de Deus", "misterio de Cristo", "misterio de Deus, de Cristo". Conforme á tradución adoptada para o relativo da frase seguinte, refírese ou ao "misterio" ou a Cristo como obxecto do misterio (cf **1**, 27).
**2**, 4 Paulo alude por primeira vez de maneira aberta aos perturbadores da boa orde na fe, que actúan en Colosas.
**2**, 8 Con poucas verbas amosa o apóstolo as liñas fundamentais das novas correntes. Cuns razoamentos sutís, pero baleiros, queren engaiolar os fieis e así encadealos nunha suxeición ás teorías dos homes ou a calquera tipo de criaturas, que os levaría a perder de novo a liberdade acadada en Cristo.
**2**, 9 *Corporalmente*: a natureza humana de Cristo asumiuna o Verbo de Deus: deste xeito, en Cristo atópase e revélase toda a plenitude humano-divina. O significado da expresión queda modificado, se por "corporalmente" poñemos "realmente", "corporativamente", opcións posibles.
**2**, 10ss Á circuncisión "na carne", de raizame xudaizante, opón Paulo a circuncisión "en Cristo", que consiste en se facer partícipe da morte e da resurrección de Cristo polo bautismo.
**2**, 11 *Baixos instintos*: lit. "corpo carnal"; cf Rm **7**, 5.
**2**, 14 Pasaxe de non doada interpretación. A Lei converteríase en instrumento de acusacións e de castigos. Coa súa morte na cruz, Cristo declara nulo o contido da cédula que nos acusaba.
**2**, 15 Tradución non fácil: Paulo usa a metáfora do xeneral romano vitorioso, que leva os inimigos como trofeo.

16Así, que ninguén vos xulgue por culpa
da comida ou da bebida ou polas festas, as
lúas novas ou os sábados. 17Estas cousas eran
sombra do que estaba para vir; pero a re-
alidade é Cristo. 18Que ninguén vos prive do
premio coa súa finxida humildade e o seu
culto aos anxos: visións e visionarios que
se ven enfonchados coma parvos polo seu
entendemento egoísta, 19ese despréndese da
cabeza que polas xuntas e tendóns alimenta
e cohesiona o corpo enteiro, facéndoo como
Deus quere.

## COMPORTAMENTO CRISTIÁN

### Preceptos xerais

20Se morrestes con Cristo aos elementos
do mundo, por que deixades que vos impo-
ñan normas, como se vivísedes conforme á
vida do mundo? 21"Non collas, non probes,
non toques...": 22esas son cousas que se van
desfacendo co uso, e que non pasan de seren
preceptos e doutrinas de homes. 23Isto ten, xa
que logo, aparencia de sabedoría, pola apa-
rente piedade, pola humildade e severidade
co corpo pero, de feito, soamente vale para
lle dar satisfacción ao instinto.

**3** 1Polo tanto, se resucitastes con Cristo,
buscade as cousas de alá enriba, onde
Cristo está sentado á dereita de Deus: 2anhe-
lade o de arriba e non o da terra. 3Vós mo-
rrestes e a vosa vida está agachada con Cristo
en Deus. 4Cando se manifeste Cristo, que é a
vosa vida, daquela tamén vós vos manifesta-
des con El revestidos de claridade.

5Así que, dádelle morte a todo canto tedes
de terreal: a fornicación, a inmoralidade, a
paixón, os malos desexos e a cobiza, que é
unha idolatría. 6Estas son as cousas polas que
o anoxo de Deus cae sobre os fillos rebel-
des, 7e nelas andastes vós en tempos cando
viviades emporcallados nelas. 8Pero agora
deixádevos de todo iso: furor, carraxe, ruin-
dade, aldraxes e palabras groseiras, lonxe
dos vosos beizos. 9Non vos mintades uns a
outros, xa que vos espistes do home vello
cos seus malos feitos 10e vos revestistes do
home novo, que se vai anovando, conforme
a imaxe de quen o creou, para chegar a un
coñecemento total. 11Alí xa non hai máis nin
grego nin xudeu, circuncisión nin non cir-
cuncisión, estranxeiro nin bárbaro, escravo
nin libre, senón que Cristo é todo en todos.

12Vós, logo, como elixidos de Deus, santos
e benqueridos, revestídevos de sentimentos
de misericordia, de bondade, de humildade,
de sinxeleza, de tolerancia. 13Aturádevos
uns aos outros e perdoádevos, cando un teña
queixa doutro: como o Señor vos perdoou,
perdoádevos tamén vós. 14E, por riba de todo
isto, cinguídevos co amor, que é o lazo que
todo o une e leva á perfección. 15Que a paz
de Cristo goberne os vosos corazóns, xa que
a ela vos chamaron como membros dun mes-
mo corpo. Sede tamén agradecidos.

16Que a palabra de Cristo habite en vós con
toda a súa riqueza. Ensinádevos e alentáde-
vos uns a outros o mellor que saibades. Co
corazón cheo de agradecemento, cantádelle
a Deus salmos, himnos e cántigas inspiradas.
17E todo canto fagades, de palabra ou de obra,
facédeo para honra de Xesús, o Señor, dán-
dolle grazas a Deus Pai por medio del.

### Preceptos concretos

18Mulleres, sede dóciles aos vosos homes
como lle corresponde a unha muller cristiá.
19Homes, amade as vosas mulleres e non se-
xades ríspetos con elas.

**2**, 16 Descríbense outros aspectos da "herexía" de Colosas. Despegarse da cabeza (Cristo) afiuzándose nunha ascese ríspeta e material ou en supostas visións anxélicas, supón arredarse da fonte de toda perfección e medra verdadeiras.

**2**, 22 A quen morreu con Cristo aos elementos do mundo (v. 20), non lle acae deixarse apreixar de novo por leis propias dos que viven na carne, no mundo, e non na liberdade de Cristo (cf Gál **2**, 4).

**2**, 23 Tamén se podería traducir: "pero de feito non ten valor ningún contra as satisfaccións da carne".

**3**, 1ss Nótese o realismo das afirmacións paulinas. O cristián xa morreu e resucitou con Cristo; só a condición presente agacha a realidade gloriosa na que está xa mergullado.

**3**, 5 A identidade cotiá coa morte de Cristo fai verdade o proclamado nos vv. anteriores.

**3**, 11 *Estranxeiro nin bárbaro*: lit. "Bárbaro nin escita". Bárbaro era o que falaba unha lingua estranxeira; e os escitas, á beira norte do mar Negro, pasaban por seren os máis atrasados de todos os homes. Marabillosa situación a creada cando os homes se renovan á semellanza do seu creador: neste atopan a unidade radical, que só o desenvolvemento desaxeitado da historia chega a esnaquizar.

**3**, 14 Coa imaxe (o cinto é o que dá xusteza, figura, sentido) chámase a atención sobre o carácter perfectivo propio do amor. Sen el todo se descompón.

**3**, 17 Cristo debe ser a cerna da vida do crente, non só nun plano doutrinal, senón tamén no operativo. En todo o que o cristián faga, Cristo débese atopar presente.

**3**, 18 Comezan unhas orientacións para a vida familiar. A presenza, repetida ata seis veces, da palabra "Señor" dálles o matiz cristián a esas advertencias elementais e sinxelas.

20Fillos, sede ben guiados en todo cos vosos pais, que isto é cousa agradable ao Señor.
21Pais non asoballedes os vosos fillos, para que non saian coitados.

22Escravos, obedecede en todo aos amos que tedes na terra, non para buscar o contento dos homes que ven o voso servizo, senón de corazón por respecto ao Señor. 23Todo canto fagades, facédeo con toda a alma, como para o Señor e non para os homes, 24tendo en conta que recibiredes do Señor a herdade como recompensa. Servide a Cristo, o voso Señor.
25Quen cometa inxustiza, recibirá o merecido pola súa inxustiza, que Deus non anda con favoritismos.

**4** 1Amos, dádelles aos vosos escravos o que é xusto e obrigado, decatándovos de que tamén vós tedes un amo no ceo.

**Conclusión, saúdos e despedida**

2Sede constantes na oración: vixiade nela con acción de grazas. 3Rogade ao mesmo tempo por nós, para que Deus abra unha porta á nosa predicación, co fin de anunciar o misterio de Cristo, polo que eu estou na cadea: 4que o expoña como o debo expoñer.

5Cos de fóra andade con moito tino, aproveitando as ocasións. 6Que a vosa conversa sexa sempre agradable, cunha chisca de sal, de xeito que saibades darlle a cadaquén a resposta axeitada.

7Das cousas que se refiren a min, xa vos dará novas Tíquico, meu irmán benquerido, fiel auxiliar e compañeiro de servizo no Señor; 8mándovolo mesmamente para iso, para que teñades novas de nós e para que poña acougo nos vosos corazóns. 9Vai canda el o querido e fiel irmán Onésimo, que é un dos vosos. Xa vos porán ao tanto de todo o que pasa por aquí.

10Saúdos de Aristarco, o meu compañeiro na cadea, e de Marcos, curmán de Bernabé (acerca deste xa recibistes algunhas instrucións: se chega onda vós, acollédeo). 11Saúdos tamén de Xesús, a quen lle chaman o Xusto. De entre os xudeus só estes son os meus axudantes no traballo polo Reino de Deus, e abofé que me foron un bo alivio.
12Saúdos do servidor de Xesús Cristo, Épafras, que é dos vosos e que decote está loitando por vós coas súas oracións por mor de que perseveredes na perfección e no cumprimento de todo canto Deus quere. 13Douvos fe do moito que traballa por vós e polos que están en Laodicea e Hierápole. 14Saúdos tamén de Lucas, o querido médico, e de Dimas.

15Dádelles saúdos aos irmáns de Laodicea, e a Ninfas e á Igrexa que ten as xuntanzas na súa casa. 16E cando leades esta carta, procurade o xeito de que tamén se lea na Igrexa dos de Laodicea; e a de Laodicea lédea vós tamén.

17Dicídelle a Arquipo: "Ten moito coidado co servizo que se che encomendou como cristián e cúmpreo ben".

18Esta lembranza vai da miña man: Paulo. Lembrádevos das miñas cadeas. Que a graza vaia convosco.

**3**, 22 Non se consagra a escravitude: era o que había naquel tempo. Pero introdúcense dous correctivos importantes: Cristo é o señor de amos e escravos; os escravos, aos que non lles estaba permitido herdar, recollerán a herdade da man do Señor (cf Rm **8**, 15-17 e Gal **4**, 1-7).

**4**, 7ss Da maior parte dos colaboradores nomeados por Paulo nesta despedida, temos coñecemento por outros escritos: Tíquico (Feit **20**, 4), Onésimo (Flm 10), Aristarco (Feit **19**, 29), Marcos (Feit **12**, 12), Bernabé (Feit **4**, 36), Xesús (non coñecido), Epafras (**1**, 7; Flm 23), Lucas (2 Tim **4**, 11; Flm 24), Ninfas (non coñecido) e Arquipo (Flm 2).

**4**, 15 A Igrexa daquela funcionaba como unha organización de comunidades que se xuntaban na casa dalgún dos seus membros. Eran igrexas domésticas, familiares, próximas: con pouca estrutura, pero con moito agarimo entre eles.

**4**, 16 Eran cousa corrente nas primeiras comunidades cristiás estes intercambios de cartas (2 Cor **1**, 1; 1 Tes **5**, 27). É probable que a carta de que dispuñan os de Laodicea fose a Carta aos Efesios.

# INTRODUCIÓN ÁS CARTAS AOS TESALONICENSES

## 1. Tesalónica e a súa evanxelización

*Na súa segunda viaxe apostólica, Paulo predicou o Evanxeo en Europa despois de o facer en Asia. A segunda vila do noso continente que recibiu a palabra de Deus, foi Tesalónica.*

*Era Tesalónica a cidade máis importante da Macedonia. Situada ao final do val do Vardar, a carón da antiga "Vía Egnatia", ten saída ao mar Exeo polo golfo de Tesalónica.*

*Fundada por Casandro no ano 316 a. C., baixo Alexandre Magno, conquistárona no 168 os romanos, que a fixeron despois, no ano 146, capital da provincia de Macedonia. No ano 42 a. C., Octavio, en agradecemento pola axuda que os seus habitantes lle prestaron na loita contra Casio e Bruto, concedeulle os dereitos de "cidade libre". Esta era a situación política na que se atopaba cando Paulo chegou a predicar alí o Evanxeo.*

*Por outra banda, algo que tiña verdadeira importancia na vida de Tesalónica era o comercio. O seu porto favorecía todo tipo de intercambios comerciais e culturais. Debido ao seu ambiente comercial, había alí un bo número de xudeus.*

*Desde o punto de vista relixioso, era Tesalónica unha vila na que se daba unha gran variedade de cultos: honrábanse os deuses romanos, o Deus dos xudeus e aínda se adoraban algúns deuses locais.*

*Neste contexto, arredor do verán do ano 50, chegou Paulo a Tesalónica, acompañado de Silván e probablemente de Timoteo. Viñan de Filipos, amolados polos paus que levaran alí e mais polo terremoto (Feit **16**, 22-26). Pasaron en Tesalónica máis de dúas semanas (cf Feit **17**, 2) e, se cadra, dous meses, tendo en conta que deixaron bastante ben organizada aquela Igrexa e que chegaron a ter gran familiaridade con aquela xente, a pesar do traballo que tiñan (cf 1 Tes **2**, 9-12).*

*O resultado da predicación tivo dúas vertentes. No tocante aos xudeus, os máis deles rexeitaron o Evanxeo: só algúns creron. Polo contrario, moitos dos prosélitos e, sobre todo, dos procedentes da xentilidade, abrazaron a fe. Os xudeus non aturaban a Paulo, porque lles presentaba a Xesús coma o Mesías que estaban a agardar. Aproveitando que tiñan gran influencia, sublevaron a xente, ata o punto de que o Apóstolo tivo que saír da vila como puido e dirixirse a Berea (Feit **17**, 5-10).*

## 2. As cartas

*Paulo escribiu polo menos dúas cartas á comunidade cristiá de Tesalónica: as dúas que coñecemos. A primeira é o escrito máis antigo de todo o Novo Testamento. Escribíronse as dúas en Corinto. A primeira, pouco despois de chegar Timoteo coas novas de Tesalónica (cf 1 Tes **3**, 6), nos primeiros meses do ano 51. A segunda non debe ser moi posterior, pois intenta dar resposta a unha problemática moi semellante á da primeira.*

## 3. Motivo, contido e estrutura da primeira carta

3.1. *A razón que moveu a Paulo a escribirlles aos cristiáns de Tesalónica, foi dar conta das boas novas que lle trouxera Timoteo, no tocante á actitude daquela comunidade (cf **3**, 6). Había tamén unha razón de máis fondura, mais non tan inmediata: Paulo tíñalles amor de pai (cf **2**, 11) e, xa que non os puidera ver (**2**, 17-18), quería relacionarse con eles por escrito.*

3.2. *No tocante ao contido, quere o Apóstolo darlles unha serie de consellos de vida cristiá e recordarlles que han de estar sempre preparados para a Vinda do Señor.*

*Ademais Paulo sae ao paso dunha preocupación daquela Igrexa. Había tristura nesta comunidade, porque se correra entre eles que os que ían morrendo xa non participarían con Xesús na súa Parusía. O Apóstolo dálles azos, facéndolles ver que na Vinda do Señor participarán todos: os que aínda vivan e os que xa morreran.*

3.3. *No que respecta á estrutura, 1 Tes ten dúas partes principais, cun encabezamento e unha conclusión:*

*–Encabezamento: **1**, 1.*

*–Primeira parte: Satisfacción polos tesalonicenses e agradecemento a Deus: **1**, 2-**3**, 13.*

*–Segunda parte: Información e esconxuros: **4**, 1-**5**, 22.*

*–Despedida e saúdos: **5**, 23-28.*

**4. Motivo, contido e estrutura da segunda carta**

4.1. *En canto ao motivo, as circunstancias que rodeaban a aquela xente de Tesalónica, cambiaran un pouco: xa non tiñan que aturar só dificultades (cf 1 Tes **1**, 6; **3**, 3), senón "persecucións" (2 Tes **1**, 4) e tamén malentendidos do dito na primeira carta: así algúns, pensando que a Vinda do Señor estaba a caer, xa non traballaban.*

*Paulo escríbelles coa finalidade de recordarlles que ninguén pode saber cando será a Parusía, pois o Señor chegará "coma o ladrón pola noite" e que, por conseguinte, han de vivir á espreita; pero á vez recórdalles que antes da Parusía teñen que darse uns signos que aínda non se deron (**2**, 1-4).*

4.2. *O contido desta carta concrétase en dicirlles aos tesalonicenses que non deben vivir inquedos e menos aínda sen traballar. Esta mesma circunstancia leva hoxe a algúns especialistas a pensar que a carta sería dalgún discípulo de Paulo, que intentaría así evitar os malentendidos. O que explicaría os numerosos paralelismos e repeticións da segunda carta respecto da primeira.*

4.3. *No tocante á estrutura, 2 Tes ten dúas partes, ademais do encabezamento e da despedida:*

*–Encabezamento e acción de grazas a Deus: **1**, 1-4.*

*–Primeira parte: A segunda vinda de Xesús: **1**, 5-**2**, 17.*

*–Segunda parte: Consellos do Apóstolo: **3**, 1-15.*

*–Despedida: **3**, 16-18.*

# PRIMEIRA CARTA AOS TESALONICENSES

**1** [1]Paulo, Silván e mais Timoteo, á Igrexa
dos tesalonicenses, en Deus Pai e no Señor Xesús Cristo: deséxanvos graza e paz.

### Alegría de Paulo pola fe viva dos tesalonicenses

[2]Decote damos grazas a Deus por todos vós, facendo memoria de vós nas nosas oracións. Continuamente [3]nos lembramos diante de Deus, noso Pai, da actividade da vosa fe, do esforzo da vosa caridade e da firmeza da vosa esperanza no noso Señor Xesús Cristo.

[4]Ben sabemos, irmáns, benqueridos de Deus, que El vos escolleu. [5]Porque o noso Evanxeo non quedou en palabras no voso caso, senón que se volveu forza exuberante do Espírito Santo. Ben sabedes o que tal resultou ser a nosa actuación entre vós para o voso ben. [6]E vós seguistes o noso exemplo e o do Señor e, aínda que houbo tantas dificultades, acollestes a mensaxe coa alegría do Espírito Santo, [7]ata chegardes a ser exemplo para todos os crentes da Macedonia e da Acaia. [8]Pois, partindo de vós, resoou a palabra do Señor non só na Macedonia e na Acaia, senón que a vosa fe en Deus resoou por todas partes, de xeito que non precisamos falar cousa. [9]Eles mesmos contan cal foi a acollida que nos destes e como vos convertestes dos ídolos para servir o Deus vivo e verdadeiro, [10]e para agardar desde o ceo, ao seu Fillo, a quen resucitou de entre os mortos, Xesús, quen nos libra da ira vindeira.

### Predicación e apostolado de Paulo

**2** [1]Vós ben sabedes, irmáns, que a nosa visita onda vós non resultou estéril, [2]senón que, maltratados e aldraxados en Filipos como sabedes, tivemos a coraxe, grazas ao noso Deus, de vos expoñer o Evanxeo de Deus no medio dunha gran loita, [3]pois a nosa predicación non proviña do erro, de motivos inconfesables ou de mala idea, [4]senón que, polo contrario, falamos así porque Deus nos considerou dignos de nos confiar o Evanxeo sen intentarmos contentar os homes, senón contentar a Deus, que pescuda os nosos corazóns.

[5]Nin actuamos endexamais con palabras suaves, como ben sabedes, nin con segundas intencións de comenencia –ben o sabe Deus!–; [6]nin procurando honores dos homes: nin de vós, nin doutros, [7]e iso que podiamos presentarnos con autoridade, como apóstolos de Cristo. Porén, fixémonos tenros no medio de vós, coma unha nai que agarima os seus fillos. [8]Polo cariño que vos tiñamos, estabamos dispostos a entregarvos non só o Evanxeo de Deus, senón a nosa propia vida: tanto vos fixestes querer. [9]Acordaravos, irmáns, o noso esforzo e fatiga: traballando noite e día, por non sermos unha carga para ningún de vós. Así foi como vos predicamos o Evanxeo de Deus.

[10]Vós sodes testemuñas, e Deus tamén, de que nos comportamos convosco, os crentes, de xeito correcto, honrado e sen tacha. [11]Ben sabedes que eramos para cada un de vós coma un pai para os seus fillos: [12]aconsellándovos cariñosamente ou con firmeza que vos comportásedes como merece o Deus que vos chamou ao seu Reino e gloria.

**1**, 1 *Igrexa* quere dicir comunidade, cun talante de comunidade relixiosa. Trátase da comunidade herdeira do antigo pobo de Deus, pero que, rescatada por Cristo, é "a Igrexa de Deus no Señor Xesús Cristo". A dos tesalonicenses é esa mesma Igrexa en canto formada polos cristiáns de Tesalónica.

**1**, 4 O pobo de Israel era o pobo escolleito, e os seus membros, "os escolleitos". Cando Paulo di que Deus escolleu os tesalonicenses, quérelles dicir que son membros do pobo de Deus, como antes o eran os xudeus.

**1**, 5 *O que tal resultou ser*: Paulo alude así á forza triunfante do Evanxeo, ao éxito e admiración do comezo da súa misión.

**1**, 6 É doado recibir a palabra de Deus cando non compromete a nosa vida. Non foi este o caso dos tesalonicenses. Por causa da súa fe, quedaron mal vistos tanto ante os xudeus coma ante os xentís (Feit **17**, 5-9). Con todo, superaron as dificultades con alegría, froito do Espírito que recibiran (Gál **5**, 22).

**1**, 7 *Acaia* era unha provincia romana situada na actual Grecia. Estivo unida á Macedonia ata os tempos de Augusto, en que se separou. Correspondía nos tempos de Paulo á parte sur da Grecia continental actual. *Macedonia*, despois da separación da Acaia, lindaba con esta ao sur. As dúas xuntas veñen significar: toda Grecia. Tesalónica estaba na Macedonia.

**2**, 3 Paulo fai unha autodefensa, explicando a idea expresada en **1**, 5. Referíndose ao labor realizado con eles, quere demostrar a autenticidade da súa misión: as palabras de Paulo non estaban ao servizo do erro, nin tampouco da inmundicia, propia dos nicolaítas e outras seitas semellantes; nin de trabucamento propio dos magos coma Elimas (cf Feit **13**, 10), senón que son palabras que Deus transmite por medio del (cf v. 13), e que polo tanto, son verdade; e sendo el o transmisor, establéceno como verdadeiro apóstolo de Xesús.

**A resposta dos tesalonicenses**

13É tamén por isto polo que lle damos
decote grazas a Deus: porque, ao recibirdes
de nós a palabra de Deus, acolléstela non
como palabra de homes, senón como o que
verdadeiramente é: palabra de Deus, que ac-
túa en vós, os crentes. 14Porque vós, irmáns,
saídeslles ás comunidades cristiás que hai na
Xudea, pois sufristes dos vosos propios pai-
sanos as mesmas cousas que elas sufriron dos
xudeus: 15eles, que mataron a Xesús e mais
aos profetas, perseguíronnos tamén a nós;
non agradan a Deus e van contra todos os ho-
mes, 16porque nos privan de lles falarmos aos
xentís e que así se salven, acugulando cada
vez máis a medida dos seus pecados. Pero a
ira de Deus caeu sobre eles ata o remate.

**Desexo de os volver visitar**

17Nós, irmáns, ao pouco tempo de sepa-
rarnos de vós, –separados fisicamente non
co corazón–, xa estivemos ben inquedos, de
tanta morriña por vos ver. 18Quixemos ir onda
vós –polo menos eu, Paulo–, máis dunha vez;
pero o demo impedíunolo. 19Pois, cal é a nosa
esperanza, o noso gozo e mais a nosa coroa de
gloria diante do noso Señor Xesús Cristo, no
día da súa vinda? Logo non sodes vós? 20Si,
vós sodes a nosa gloria e a nosa alegría.

**3** 1Por iso, non aguantando máis, ordenamos
de quedar sos en Atenas 2e mandarvos a
Timoteo, o noso irmán e colaborador de Deus
no Evanxeo de Cristo, para vos fortalecer e
vos dar azos na vosa fe, 3a fin de que ninguén
se estremeza coas presentes dificultades: ben
sabedes vós que para iso estamos. 4Cando
estabamos aínda convosco, xa vos avisamos
que iades ter que aturar dificultades. E, como
vedes, así foi. 5Por iso, eu tampouco aguantei
máis e mandeino a que se informase da vosa
fe; non fose que vos seducise o tentador e o
noso traballo resultase estéril. 6Mais agora,
xa chegou Timoteo de onda vós e deunos as
boas novas da vosa fe e caridade e de que
tedes sempre bo recordo de nós, arelando
vernos tanto coma nós a vós. 7Así, irmáns,
en medio de todas as nosas adversidades e
tribulacións, vós, coa vosa fe, dádesnos ánimos, 8e agora sentímonos vivir sabendo que
estades firmes no Señor. 9Con que acción de
grazas lle poderemos pagar a Deus por vós,
por toda a alegría que pola vosa causa temos
diante do noso Deus? 10Rogámoslle con in-
sistencia noite e día que poidamos visitarvos
persoalmente e encher as fallas que teña a
vosa fe.

11Que o mesmo Deus, noso Pai, e o noso
Señor Xesús, endereiten o noso camiño cara
a vós. 12E a vós, que o Señor vos faga medrar
no amor duns cos outros e con todos, ata re-
bordar, como nos pasa a nós respecto de vós.
13Que El afinque os vosos corazóns nunha
santidade sen tacha diante de Deus, noso Pai,
cando veña o noso Señor Xesús con todos os
seus santos.

**Instrucións e avisos**

**4** 1Polo demais, irmáns, pedímosvos con
insistencia como cristiáns que, xa que
aprendestes de nós como cómpre andar para
contentar o Señor, que sigades así e que pro-
gresedes aínda máis.

2Porque ben sabedes que instrucións vos
temos dado de parte do Señor Xesús, 3pois
esta é a vontade de Deus, a vosa santifica-
ción: que vos arrededes da fornicación, 4que
cada un de vós saiba controlar o seu pro-
pio corpo santa e respectuosamente, 5sen se
deixar gobernar pola paixón coma os xentís,
que non coñecen a Deus. 6Que ninguén se ex-
ceda nin asoballe a seu irmán neste asunto,
pois o Señor vinga todas estas cousas, como
xa vos temos dito e repetido. 7Que non nos
chamou Deus á impureza, senón á santidade.
8Por iso, quen rexeita estas instrucións, non
rexeita a un home senón a Deus, que é quen
vos dá o seu Espírito Santo.

**2**, 13 A maioría dos xudeus e dos xentís non recoñeceron na predicación dos apóstolos outra cousa ca palabras humanas; en troques, os tesalonicenses, ao escoitaren a predicación apostólica, recoñeceron nela a mesma palabra de Deus. Por iso Paulo rompe a dar grazas a Deus.

**2**, 14 A maior aspiración das novas comunidades é imitar as primitivas; e os tesalonicenses asemellábanse ás igrexas da Xudea nas persecucións que sufriron dos propios paisanos por mor da súa fe en Cristo. Unha vez máis cumpriuse a palabra de Xesús, de que os inimigos dun habían ser os da propia estirpe (cf Mt **10**, 36).

**2**, 18 Silván e Timoteo ficaron aínda máis tempo na Macedonia, mentres Paulo saía de alí como podía (Feit **17**, 13-15). Cando xa estaba en Atenas, chegou Timoteo; desde aquí, este partiu outra vez para Tesalónica, mandado por Paulo, para ver como estaban as cousas e tratar de as mellorar (cf **3**, 1-2; Feit **17**, 15-16; **18**, 5). Poida que nesta ocasión quixese o Apóstolo ir alá e non puido: o espírito do mal, valéndose das circunstancias, impediullo.

**2**, 20 No día do xuízo (1 Cor **3**, 13-14), aparecerá claramente a obra de cada un; e, se esta se considera digna, recompensarase ao seu promotor. Por iso di o Apóstolo que os cristiáns de Tesalónica son a súa *gloria* e *alegría*, xa que son froitos do seu traballo misioneiro.

**3**, 6 Destas palabras concluímos que 1 Tes se escribiu pouco despois de chegar Timoteo a Corinto (cf Feit **18**, 5). Alí viviu Paulo arredor dun ano e medio.

[9]Verbo da caridade, non precisades que
vos escriba, porque Deus mesmo vos ensi-
na a vos amardes uns a outros, [10]cousa que
practicades con todos os irmáns ao longo da
Macedonia. Rogámosvos que sigades pro-
gresando: [11]que anheledes vivir sosegados,
ocuparvos dos vosos asuntos e traballar coas
vosas mans, conforme vos temos mandado;
[12]deste xeito a vosa conduta será correcta ante
os de fóra e non precisaredes de ninguén.

### A Vinda do Señor

[13]Non queremos, irmáns, que non estea-
des informados verbo dos mortos, para que
non vos agoniedes coma os outros, os que
non teñen esperanza. [14]Porque, se cremos
que Xesús morreu e que resucitou, do mes-
mo xeito Deus, por medio de Xesús, levará
con El aos que xa morreron. [15]Iso é o que vos
dicimos apoiados na palabra do Señor: que
nós, os que vivimos, os que quedemos para
a Vinda do Señor, non teremos vantaxe so-
bre os que xa morreron, [16]pois a un sinal de
mando, á voz do arcanxo e ao son da trom-
peta de Deus, o Señor en persoa baixará do
ceo, e entón os cristiáns defuntos resucitarán
primeiro; [17]despois, nós, os que quedemos vi-
vos, seremos arrebatados xunto con eles nas
nubes, para irmos ao encontro do Señor no
aire, e así estaremos sempre co Señor. [18]Polo
tanto, consoládevos uns a outros con estas
palabras.

### O momento da Vinda do Señor

**5** [1]Tocante ao tempo preciso, irmáns, tam-
pouco non precisades que vos escriba,
[2]que vós mesmos sabedes á perfección que o
"Día do Señor" chegará coma o ladrón pola

**3**, 12 *Os outros* designa aos demais cristiáns. *Todos*, aos non cristiáns. A actitude dos cristiáns non debe ser só amarse entre eles, que sería demasiado cómodo e pagán (cf Mt **5**, 45-46), senón amar a todas as persoas sen excepción.
**3**, 13 Anxos, arcanxos e santos, acompañarán o Señor na súa Vinda. Aquí *os santos* son os membros do pobo de Deus, que aínda vivos, ou xa mortos, se erguerán para saíren ao encontro do Señor (**4**, 16-17). Aos anxos e arcanxos refírese en **4**, 16.
**4**, 1-12 Este fragmento está composto de varios consellos que Paulo lles dá para que progresen na autenticidade do seu cristianismo: consellos que non procedían del, senón do Señor Xesús. Nos vv. 1-3a expón a razón deles; logo nos vv. 3b-12 vai explicalos máis.
**4**, 4 *O seu propio corpo*: outros traducen "a súa muller". O termo grego é ambiguo.
**4**, 9 O mandato do amor, fundamental na relixión de Xesús, estábase cumprindo moi ben naquela comunidade. Víase que os adoutrinara o mesmo Deus, segundo estaba anunciado para os tempos mesiánicos (Is **54**, 13; Xer **31**, 34; cf Xn **6**, 45). Por iso non precisan que lles insista, aínda que sempre se pode amar máis e mellor.
**4**, 11 A caridade non só ha de manifestarse no aprecio aos demais, senón tamén no propio traballo, para non ser gravoso aos outros. Por outra banda, facendo todo como se debe, serán exemplo para os non crentes (cf 1 Cor **14**, 23-25. 40).
**4**, 13-18 Neste fragmento trata de lles aclarar o que pasa cos mortos (lit. "os que dormen"). A Parusía estábase retardando moito, e os cristiáns angustiábanse porque ía morrendo xente e eles coidaban que, ao morrer, xa non podían presenciar a Vinda de Xesús. Entón o Apóstolo dilles, baseado na palabra de Xesús, que non só non deixarán de acompañar a Cristo na súa manifestación, senón que serán os primeiros en asociarse a el, antes aínda ca os que vivan nesa hora. A tristura é propia de quen non ten esperanza, e Paulo invítaos a que esperen confiados: se Deus resucitou a Cristo, tamén os resucitará a eles.
**4**, 15 O Apóstolo distingue dous grupos de persoas: por unha banda, os que xa morreron, os que xa non pertencen ao mundo dos vivos e xa non chegarán á Parusía; por outra, os que aínda viven, os que van quedando e, que, polo tanto, teñen posibilidade de chegar á Parusía.
O que Paulo afirma directamente como palabra de Deus é que na Parusía de Xesús, á hora de participar na súa manifestación, non terán vantaxe os que vivan sobre os que xa morreron.
O pensamento de Paulo sobre se el ou os outros van vivir cando Cristo volva, non vén manifestado, aínda que el se coloca entre os que van quedando; pero podía morrer decontado, entrando así no grupo dos mortos. El non di nunca que, no día da Parusía, pertenza ao grupo dos vivos. (Máis tarde, por ex. en 2 Cor **5**, 3 e Flp **1**, 23, pensa na posibilidade de morrer antes). E, se non o di, se non o expresa na súa carta, podía incluso estar no erro tan común daquela de que Cristo estaba a chegar. Na Sagrada Escritura non se di cando vai ser a Parusía e, polo tanto, nin Paulo ten que sabelo. É máis, dise que ninguén sabe cando (Mt **24**, 36. 42-44; **25**, 13; Feit **1**, 6-7).
**4**, 16 Paulo exprésase no tocante ao Día do Señor, segundo a idea exposta na Biblia e que estaba na mentalidade da época: ten que aparecer a trompeta, pois é propia das teofanías e das asembleas do pobo de Deus (Ex **19**, 13. 16. 19) e mais das expresións proféticas (Is **27**, 13; Sof **1**, 16; cf Mt **24**, 31). Faise tamén alusión ás nubes, que ornamentan as teofanías, e concretamente á Vinda do Fillo do Home (Dn **7**, 13; Mc **9**, 7).
**5**, 1-11 Agora Paulo trata outro aspecto da Parusía: ninguén ten chave do seu momento, porque, como acción de Deus, sempre é sorpresa; pero este carácter sorpresivo non enche de medo, senon de esperanza, aos cristiáns. Paulo pretende que os cristiáns de Tesalónica se manteñan esperanzados e vixiantes ante este *Día do Señor*.
**5**, 1 O *tempo preciso* non era coñecido por ninguén (Mt **24**, 36. 42; **25**, 13; Feit **1**, 6-7): ese momento chegará coma o ladrón na noite (Mt **24**, 43-44). Por iso hai que estar á espreita (v. 6; Mt **24**, 42; **25**, 13; Ap **3**, 3; **16**, 15).
**5**, 2 *O Día do Señor* ou "Día de Iavé" era coñecido de todos eles, especialmente dos que proviñan do xudaísmo, pois xa os profetas (Is **2**, 12; **13**, 6; Ez **13**, 5; Xl **1**, 15; Am **5**, 18; Sof **1**, 7) falaran del.

noite. [3]Cando anden dicindo "paz e seguridade", daquela caerá de súpeto sobre eles a desfeita, do mesmo xeito que lle veñen as dores á muller embarazada; e, de certo, non han de escapar. [4]Pero vós, irmáns, non estades nas tebras, para que ese día vos sorprenda coma o ladrón, [5]xa que todos vós sodes fillos da luz, fillos do día: non somos da noite nin das tebras.

[6]Polo tanto, non adormezamos coma os demais: máis ben, esteamos vixiantes e manteñamos o propio control. [7]Pois os que dormen, dormen pola noite, e os que se emborrachan, emborráchanse pola noite. [8]Pero nós, que somos do día, manteñamos o propio control, revestidos coa coiraza da fe e da caridade e co casco da esperanza da salvación. [9]Pois non nos destinou Deus á ira, senón á consecución da salvación polo noso Señor Xesús Cristo, [10]que morreu por nós, para que, vivos ou mortos, pasemos a vivir con El. [11]Polo tanto, aconselládevos e confortádevos uns a outros, como xa o facedes.

### Últimas recomendacións e saúdos

[12]Rogámosvos, irmáns, que sexades considerados cos que traballan entre vós, presidíndovos no Señor e catequizándovos. [13]Tédeos no máis grande aprecio e amor polos seus traballos, e que entre vós haxa paz.

[14]Exhortámosvos tamén, irmáns, a que fagades entrar en razón aos inconstantes, que lles deades azos aos abatidos, que coidedes dos febles e que teñades paciencia con todos. [15]Mirade que ninguén lle devolva a ninguén mal por mal; polo contrario, procurádevos sempre o ben uns aos outros e a todos.

[16]Estade sempre alegres. [17]Orade constantemente. [18]Dade grazas en todas as ocasións: que isto é o que Deus quere de vós como cristiáns. [19]Non apaguedes o Espírito; [20]non desprecedes as palabras inspiradas. [21]Examinádeo todo e agarrádevos ao que é bo. [22]Arredade de toda especie de mal.

### Despedida e saúdos

[23]Que o Deus da paz vos santifique totalmente e que todo o voso ser espírito, alma e corpo se conserve indemne na Parusía do noso Señor Xesús Cristo. [24]Pois o que vos chama é fiel e hao facer.

[25]Irmáns, rogade tamén por nós.

[26]Dádelles o saúdo a todos os irmáns co ósculo santo. [27]Esconxúrovos polo Señor a que se lles lea esta carta a todos os irmáns.

[28]Que a graza do noso Señor Xesús Cristo vos acompañe!

**5**, 3 É propio dos falsos profetas anunciar a seguridade nos momentos de desastre (cf Xer **6**, 14; **8**, 11; Ez **13**, 10. 16). Os veciños de Xudá en tempos de Xeremías, non quixeron crer na palabra que el proclamaba e, en troques, aceptaban a dos falsos profetas, que dicían "*paz e seguridade*", pois "temos o templo de Deus", cando Deus estaba anunciando a ruína de Xerusalén por non quereren eles converterse (Xer **7**, 14-15).

**5**, 5 *Fillos da luz* son os que aceptaron a Cristo, que é a Luz (Xn **1**, 9), aqueles que queren seguir os seus pasos, facendo boas obras, participando así do "mundo da luz". Fillos das tebras son os que, ao vir Cristo –que é a luz–, prefiren as tebras á luz, pois fan obras malas (Xn **3**, 19).

**5**, 8 Quen ten as virtudes teologais atópase coma o que está ben disposto para a loita: non se deixa sorprender, e non é doado botalo por terra. Paulo era afeccionado a este tipo de metáforas.

**5**, 10 Xoga o Apóstolo cos termos "vida e morte", "vida terreal e celeste". Dinos que Cristo morreu por nós, para que nós teñamos vida. Así, cando o Señor veña, na súa Parusía, esteamos no grupo dos vivos ou no dos mortos, levaranos a participar con el nunha vida sen fin.

**5**, 19 O Espírito actúa na Igrexa e nos cristiáns en particular, cos seus dons e carismas. Pero pode facérselle a contra (cf Mt **12**, 31-32). Deste xeito, podemos chegar a facelo calar, pois a nosa dureza de corazón incapacítanos para oílo.

**5**, 20 "O que fala inspirado, fala aos homes para a súa edificación, exhortación e consolación" (1 Cor **14**, 3. 24-25), edificando así a toda a asemblea (1 Cor **14**, 4). Quen recibe a palabra de Deus debe proclamala por riba de todo.

**5**, 23 Paulo, coma os xudeus en xeral, pensa que as partes constitutivas da persoa son dúas: alma e corpo. A alma, chámalle tamén espírito. Se aquí aparecen xuntos os termos "espírito", "alma" e "corpo", é por querer sinalar as diversas actividades da mesma alma: a actividade racional en contacto co espírito, e a sensitiva e vexetativa, máis relacionadas co corpo (outras interpretacións son posibles).

"O Día do Señor" será terrible para os malfeitores. En troques, aos que están na luz non os sorprenderá (**5**, 4) e quedarán incólumes. Por iso, seguir *indemne na Parusía* é sinal de que a plena santificación dos tesalonicenses se levou a cabo.

**5**, 26 *Ósculo santo*: o bico é o saúdo máis común entre os orientais. O "bico santo" (Rm **16**, 16; 1 Cor **16**, 20; 2 Cor **13**, 12; cf 1 Pe **5**, 14) indica o saúdo propio das celebracións litúrxicas. É un signo de paz e amor cristián.

# SEGUNDA CARTA AOS TESALONICENSES

**1** [1]Paulo, Silván e mais Timoteo, á Igrexa dos tesalonicenses, en Deus, noso Pai, e no Señor Xesús Cristo: [2]desexámosvos a graza e a paz de Deus Pai e do Señor Xesús Cristo.

### Acción de grazas

[3]Temos que lle dar grazas seguido a Deus por vós, irmáns, e é de xustiza porque a vosa fe vai medrando a cada paso máis e porque o amor que vos tedes todos uns a outros segue aumentando: [4]tanto que nós mesmos presumimos de vós perante todas as igrexas de Deus pola vosa paciencia e pola vosa fe en todas as persecucións e apertos que estades a pasar.

### A Vinda do Señor e o xuízo

[5]Esa é a proba do xusto xuízo de Deus, de que vos vai considerar dignos do seu Reino polo que estades a padecer; [6]como é xusto que Deus pague con tribulacións aos que vos aflixen [7]e que a vós, os aflixidos, vos dea acougo xunto connosco, cando se revele o Señor Xesús, vindo do ceo cos anxos do seu poder, [8]*con labaradas de lume para lles dar o castigo aos que non queren recoñecer a Deus* e aos que non obedecen ao Evanxeo do noso Señor Xesús. [9]O castigo deles vai ser a perdición eterna, *lonxe da presenza do Señor e do esplendor da súa gloria*, [10]naquel día, cando veña para manifestar a súa gloria nos seus santos e para manifestar as súas marabillas nos que abrazaron a fe. Agora ben, vós aceptastes o noso testemuño.

[11]Por iso rogamos decote por vós, para que o noso Deus vos faga dignos da chamada e para que co seu poder faga realidade todo propósito de facer o ben e toda empresa de fe. [12]Dese xeito vós daredes gloria ao noso Señor Xesús Cristo e el a vós, conforme a graza do noso Deus e do Señor Xesús Cristo.

### O impío e a súa aniquilación

**2** [1]Tocante á Parusía do noso Señor Xesús Cristo e da nosa xuntanza con el, rogámosvos, irmáns, [2]que non abaledes tan axiña nos vosos criterios nin vos desconcertedes por supostas revelacións, ditos ou cartas nosas coma se o Día do Señor estivese a caer. [3]Que ninguén vos trabuque de ningún xeito. Porque primeiro ten que vir a apostasía e manifestarse o impío por excelencia, a perdición en persoa: [4]aquel *que se opón e se levanta contra todo o* que se chame *Deus* ou que sexa digno de culto, ata chegar a sentar el *no templo de Deus*, proclamando que el mesmo é Deus.

[5]Non vos acorda que, cando aínda estaba convosco, xa volo dicía? [6]E agora xa sabedes que é o que o detén, para que se mostre unicamente no seu preciso tempo. [7]Pois a misteriosa iniquidade xa está actuando: só cómpre que lle quiten do medio a quen a detén. [8]E daquela mostrarase o Impío, a quen o Señor matará *co sopro da súa boca* e aniquilará co resplandor da súa Vinda. [9]A vinda dese Impío será obra do demo, será con poder, con portentos e con prodixios trapalleiros, [10]e con toda a sedución que exerce a inxustiza en

**1**, 5 Xesús anunciara que, se querían traballar pola súa causa, habían de ter moito que sufrir (Mc **13**, 13). Os cristiáns de Tesalónica están padecendo moito polo Reino de Deus, o que vén ser un sinal evidente de que Deus, por quen traballan e padecen, ha acollelos no seu Reino.
**1**, 8 O feito de presentar a Deus como rodeado de lume lapeante é típico das teofanías, coma a do Éxodo (**3**, 2) e a da liberación dos fieis por obra de Deus (Is **66**, 15).
Paulo ten presente tanto aos xentís coma aos xudeus. Aos primeiros acúsaos de non lle faceren caso a Deus, xa que non dubida de que chegaron a coñecelo (cf Rm **1**, 21). Dos xudeus di que tamén merecen o castigo, por non aceptaren o Evanxeo de Deus, que el lles predicaba.
**2**, 2 Xa fora porque lles chegara unha carta co remite falsificado a nome de Paulo, ou por oíren a certos predicadores que crían ter espírito de profecía, o feito é que a comunidade de Tesalónica estaba convencida de que o Señor ía chegar glorioso dun momento a outro. Por iso o Apóstolo exhórtaos a ter tranquilidade e a non se deixaren levar polo vento que sopre.

**2**, 3 As Biblias tradicionais traducen "o home da impiedade", o "fillo da perdición". Esas expresións denomínanse no grego bíblico "xenitivos hebraicos", por seren transposición ao grego do xeito hebreo de expresarse. Así, en hebreo dise literalmente "fillos de forza", para designar as persoas fortes. Coa tradución "o impío por excelencia" tratamos de conservar a énfase da expresión orixinal, sen caer por outra banda, na literalidade.
**2**, 4 Utilizando as expresións da apocalíptica xudía, refírese Paulo a un ser misterioso, un espírito malvado semellante a Antíoco Epífanes (cf Dn **11**, 36) e mais ao príncipe de Tiro (cf Ez **28**, 2). Parece referirse a realidades ben coñecidas polos lectores. Pode ser algún dos emperadores daquel tempo, que deixara xa albiscar as súas intencións, pero non se manifestara aínda claramente, pois había algo que llo impedía (cf vv. 6-7). Como Antíoco, ese home aprópiase do que non é seu, querendo eliminar a Deus e poñéndose el no sitio.
**2**, 8 Xa anunciara Isaías (**11**, 4) que o Mesías había facer xustiza: salvar aos pobres, aos humildes, e quitar do medio aos que son malfeitores segundo os criterios de Deus.

cantos se han de perder, por non acolleren o amor da verdade que os ía salvar. [11]E por iso mándalles Deus unha forza enganadora, para que crean na falsidade, [12]e así se condenen todos os que non creron na verdade senón que se deleitaron na sedución.

### Mantédevos agradecidos e animosos

[13]Pero por vós, irmáns benqueridos do Señor, debémoslle dar grazas sempre ao Señor porque desde o comezo escolleuvos Deus para salvarvos, santificándovos co Espírito e dándovos fe na verdade. [14]Para iso chamouvos polo noso Evanxeo, de xeito que logredes a gloria do noso Señor Xesús Cristo. [15]Polo tanto, irmáns, mantédevos rexos e retede ben as ensinanzas que vos aprendemos tanto de palabra coma por carta. [16]E que o mesmo Señor noso Xesús Cristo e mais Deus, o noso Pai, que nos amou e que nos deu gratuitamente azos duradeiros e boa esperanza, [17]vos dea ánimos e vos afinque en toda obra e palabra boa.

### Consellos e avisos

**3** [1]Polo demais, irmáns, rogade por nós, para que a mensaxe do Señor se difunda e se acolla con honor, como pasou entre vós, [2]e deste xeito nos vexamos libres da xente descamiñada e perversa, pois a fe non a teñen todos. [3]Pero o Señor é fiel e afincaravos e protexeravos do Malo. [4]Tocante a vós, fiámonos no Señor de que estades facendo e de que continuaredes a facer canto vos temos mandado. [5]Que o Señor encamiñe os vosos corazóns ao amor de Deus e á paciente espera do Cristo.

[6]Irmáns: no nome do Señor Xesús Cristo, mándovos que vos arrededes de calquera irmán que leve unha vida lacazana e non conforme á ensinanza que recibistes de nós. [7]Pois ben sabedes vós de que modo debedes imitarnos, xa que non nos dedicamos a andar sen xeito [8]nin comemos de moca o pan de ninguén, senón que traballamos noite e día con esforzo e fatiga por non sermos unha carga para ningún de vós. [9]Non porque non tivésemos dereito, senón para vos dar un exemplo que imitar, [10]e porque, cando estabamos onda vós, xa vos demos esta norma: o que non queira traballar, que tampouco non coma.

[11]Porque chegou aos nosos oídos que algúns de vós andan descamiñados e por riba de non traballaren nada, entremétense nas cousas dos demais. [12]A eses mandámoslles e aconsellámoslles no Señor Xesús Cristo que, traballando con acougo, coman o seu propio pan. [13]E vós, irmáns, non cansedes de facer o ben. [14]Agora, se algún non obedece a mensaxe desta carta, sinaládeo e non vos xuntedes con el, para que se avergonce. [15]Non digo que o tratedes coma inimigo, senón que o corrixades coma irmán.

### Despedida e sinatura

[16]Que o Señor da paz vos dea a paz decote e de todos os xeitos. Que o Señor vaia con todos vós. [17]O saúdo vai da miña propia man: Paulo. É contrasinal en todas as cartas. Así escribo. [18]Que a graza do noso Señor Xesús Cristo vos acompañe.

**2**, 12 Hai dous mundos opostos: o da verdade, formado por aqueles que aceptan a Deus e o seu Evanxeo; e o da falsidade, constituído por aqueles que rexeitan a Deus e non fan caso á súa palabra. Quen ten a "sabedoría de Deus" (cf 1 Cor **2**, 6-8), recoñece a Deus e non é vítima da tentación (aquí pintada simbolicamente como unha trampa de Deus). Polo contrario, quen se compracía na sedución, nunha vida de acordo cos principios do mal, verá esa proposta sedutora como propia del, sendo así vítima da súa maldade.

**2**, 13 *Desde o comezo*: algúns traducen "pois como primicias vos escolleu Deus...". Pero parece que Paulo di "desde o comezo", pois as primicias que Deus escolleu foron os xudeus (cf **11**, 16-18). En troques, a elección divina precede á creación, é anterior a todo (Ef **1**, 4). Así, baseándonos no pensamento de Paulo cremos traducir xustamente unha expresión grega un tanto ambigua.

**2**, 14 *O noso Evanxeo* non é outra cousa senón o Evanxeo de Cristo, predicado por Paulo e os seus compañeiros.

**3**, 2 Ter a fe é aceptar a palabra que provoca a actitude de fe e levar unha vida de acordo con esa fe. Trátase do que diriamos hoxe "ser consecuentes coas propias crenzas". Iso non pasaba de certo con todos os de Corinto, desde onde Paulo lles escribía.

**3**, 3 Paulo non di quen é o Malo. Polas trazas debe de ser o mesmo individuo a quen Xoán chama "o Anticristo" (1 Xn **2**, 18-22; **4**, 3; 2 Xn 7). De todos os xeitos, non ten por que ser unha única persoa, senón que se pode referir ás forzas do mal concentradas nun tempo nun suxeito e noutro tempo noutro.

**3**, 5 *A paciente espera do Cristo*. Algúns traducen "cara á paciencia de Cristo". Tendo en conta o contexto, debe tratarse máis ben da espera da Vinda de Cristo. En efecto, tanto no c. anterior coma neste, a partir do v. seguinte, fala de cousas relacionadas coa Vinda de Xesús.

**3**, 6-15 O autor failles unha chamada de atención a aqueles que, por coidaren que a Parusía do Señor está ás portas, non traballan. El ponse como exemplo que se debe imitar (vv. 7-9) e reprende aos que non o seguen (vv. 10-12).

**3**, 14 Coidando que a ruptura temporal das relacións cos rebeldes faría o seu efecto, Paulo opta por ela, para que, avergonzados, se corrixan. Sen embargo, a actitude fundamental cristiá queda en pé: trátase de corrixir a un irmán, non de enfrontarse a un inimigo (v. 15).

# INTRODUCIÓN ÁS CARTAS PASTORAIS

*As dúas Cartas a Timoteo e a Carta a Tito chámanse "pastorais" por estaren dirixidas persoalmente a dous pastores e polo carácter práctico do seu contido. As tres son curtas e moi semellantes entre si: vocabulario e estilo, recomendacións e consellos, situación histórica e organización eclesiástica, doutrina positiva e erros combatidos: todo indica un mesmo ambiente e apunta a idéntico autor.*

## 1. Timoteo

*O seu nome aparece a miúdo, tanto en Feit coma nas restantes cartas paulinas. Era fillo de pai pagán, pero de nai cristiá, Eunice, que quedara viúva e vivía con súa nai, Loide. Habitaban en Listra, onde o coñeceu Paulo na súa primeira viaxe contra o ano 45 (Feit* ***16****, 1ss; 2 Tim* ***1****, 5).*

*No verán do 50, ao pasar por Listra na segunda viaxe, levouno consigo como axudante, por recomendación dos cristiáns daquela comunidade (Feit* ***16****, 1-3). Aínda que algo coitado (1 Cor* ***16****, 10), foi un colaborador eficaz, que lle resolveu acertadamente importantes encomendas en máis dunha ocasión. O seu nome aparece no saúdo de Paulo en seis das súas cartas. Vai con el na viaxe a Xerusalén (Feit* ***20****, 4) e na primeira prisión en Roma. Sendo aínda moi novo, Paulo conságrao "bispo" (vixiante, responsable...) e encoméndalle o coidado pastoral das comunidades de Asia. Segundo a tradición morreu sendo "bispo" de Éfeso.*

## 2. Tito

*Vémolo acompañando a Paulo xa antes ca Timoteo. Aínda que o seu nome non aparece nos Feitos, si que está en catro das cartas paulinas. Ao revés de Timoteo, era de carácter aberto, conciliador e bo diplomático. Paulo levouno consigo ao domicilio de Xerusalén, para que o axudase no delicado problema da circuncisión. El foi quen entregou en Corinto a famosa "carta das bágoas" (2 Cor* ***2****, 4; 7, 8-16), conseguindo pacificar a comunidade, empresa na que fracasara Timoteo. Atopámolo tamén cabo do Apóstolo en Roma, desde onde o mandou á Dalmacia (2 Tim* ***4****, 10). Segundo a tradición, morreu xa moi vello, sendo "bispo" na illa de Creta.*

## 3. Autenticidade

*Ata o século XIX foi unánime a atribución destas tres cartas a san Paulo. Desde entón os críticos divídense en dúas opinións.*

*Para moitos especialistas estas cartas escribiunas un autor descoñecido do século II. As razóns nas que se apoian son internas: o concepto de piedade (empezando pola mesma palabra "eusébeia") é distinto do das cartas paulinas certas; as comunidades aparecen xa moi organizadas, sen carismas e sen actuación visible do Espírito, cun forte papel dos mestres que ensinan unha doutrina xa tradicional; insístese moito na maneira como deben comportarse as diversas categorías de fieis: mulleres, viúvas, escravos, amos, ricos, presbíteros. A estrutura xerárquica aparece moi organizada: "bispos" (responsables máximos, que non equivalen aos nosos bispos), "presbíteros" (especie de patrucios semellantes aos "anciáns" ou responsables da sinagoga) e "diáconos" (auxiliares dos presbíteros e dos bispos), centralizaban a organización das comunidades e tiñan xa a súa paga (cf Tit* ***5****, 17). Outras razóns derívanse da falta de correspondencia entre os datos cronolóxicos e xeográficos das Pastorais e dos Feitos. Nestes non aparece nunca Timoteo á fronte da Igrexa de Éfeso, nin Tito da de Creta. As cartas tiveron, logo, que redactarse despois de se compor o libro dos Feitos. Lémbrese que Paulo non pensaba en volver a Oriente, senón en ir a Hispania, a Occidente. As Pastorais esixen unha nova viaxe de Paulo a Asia Menor. Ademais o vocabulario e o estilo son distintos do das cartas paulinas certas, que, finalmente, nunca se dirixiron a individuos, senón a comunidades.*

*Todas esas razóns, non obstante, non equivalen, sen máis, a unha certeza. Outros moitos especialistas sosteñen a autenticidade, apoiándose sobre todo na tradición que, desde mediados do século II, é certamente clara, abondosa e unánime. Hai tamén pasaxes e referencias persoais que dificilmente se explican fóra da pluma de Paulo.*

*Os partidarios da autoría anónima explican este último detalle dicindo que os autores das Pastorais puideron incluír nelas billetes auténticos que Paulo enviara aos*

*seus colaboradores. Os fautores da autoría paulina responden ás razóns dos primeiros lembrando a vellez de Paulo, os cambios reais nas comunidades e a escritura das epístolas mediante un amanuense que operou con certa liberdade.*

*En todo caso, sexa cal for o resultado desta discusión, nada se quita á canonicidade e inspiración destas cartas e á súa correspondente autoridade reveladora, aínda que tamén hai que recoñecer que non son escritos tan centrais e decisivos como Rm e 1 Cor, poñamos por caso.*

## 4. Doutrina

*Aquí non se contén ningunha exposición sintética e articulada de ningún dos temas tratados nas grandes cartas paulinas: dáse por suposto que xa se coñece a "doutrina verdadeira", a que Timoteo e Tito teñen que defender dos falsos mestres, que a corrompen e substitúen por outras. Que novidades son estas, non se concreta. Parece tratarse dunha especie de gnosticismo de tipo xudaico, aínda non moi espallado.*

*A finalidade pastoral destes escritos fai que se centren no interese polo asisado e modesto comportamento dos diversos membros da Igrexa, o que explica en parte o seu carácter moralizante. Certo que podemos atopar tamén un profundo significado teolóxico para a comprensión da Igrexa e do misterio salvífico. Deus quere que todas as persoas se salven (1 Tim* ***1****, 1-2;* ***2****, 3; Tit* ***3****, 4). Cristo veu para salvar aos pecadores (1 Tim* ***1****, 5), e morreu polos pecados de todos. Por medio do bautismo recibimos o froito da súa morte e resurrección (Tit* ***2****, 4;* ***3****, 5).*

*Os ministros da Igrexa son consagrados pola imposición das mans dos apóstolos e dos "presbíteros" (2 Tim* ***1****, 6;* ***2****, 7). A súa misión consiste en predicar e ensinar a "boa doutrina" (1 Tim* ***3****, 4ss; Tit* ***1****, 6), "presidir" nas celebracións litúrxicas (1 Tim* ***5****, 17; Tit* ***1****, 5), coidar do bo nome da comunidade, vixiando decote para que cadaquén se comporte como corresponde a un discípulo de Cristo.*

## 5. Lugar e data

*Dependen, como é lóxico, da solución que se lle dea ao problema da autenticidade. En todo caso, desbordan o tempo narrado en Feitos. Na Introdución a san Paulo queda recollida a hipótese paulina (1 Tim e Tit, escritas en Tróade contra o 65; e 2 Tim o ano 67, na derradeira prisión romana, ao fío da morte). Na outra hipótese, as datas teñen que retrasarse ata os últimos do século I polo menos.*

# PRIMEIRA CARTA A TIMOTEO

### Saúdo

**1** [1]Paulo, apóstolo de Cristo Xesús por
mandado de Deus, noso Salvador, e de
Cristo Xesús, nosa esperanza, [2]a Timoteo,
fillo lexítimo na fe, deséxoche a graza, a misericordia e a paz de Deus Pai e de Cristo
Xesús, noso Señor.

### Evitar as falsas doutrinas

[3]Xa che pedira que quedases en Éfeso,
cando eu ía marchar a Macedonia, para lles
mandares a algúns que non ensinen doutrinas
alleas, [4]nin se afeccionen aos mitos e xenealoxías sen conta: cousas que se prestan máis
para discusións que para a realización do
plan de Deus, que se basea na fe.

[5]A finalidade desta instrución é o amor,
que sae dun corazón puro, dunha conciencia
boa e dunha fe sincera. [6]Algúns deles, trabucándose, extraviáronse en lerias; [7]pretenden
ser doutores na Lei e non entenden nin o que
din nin o que tan rotundamente afirman.

[8]Nós sabemos que a Lei é boa, sempre que
se utilice como se debe; [9]tendo en conta, que
non se dita a Lei para o xusto, senón para os
prevaricadores e rebeldes, para os impíos e
pecadores, para os profanadores e sacrílegos, para os parricidas e matricidas, para os
homicidas, [10]os fornicadores, homosexuais,
tratantes de escravos, mentiráns, perxuros e
para todo aquel que se opón á boa doutrina,
[11]que cadra co Evanxeo da gloria do Deus
bendito, que se me confiou.

### Acción de grazas polos favores recibidos

[12]Doulle grazas a Cristo Xesús, noso Señor que me fortaleceu, porque fiou en min,
encomendándome o ministerio: [13]a min, que
fora un blasfemo, perseguidor e infamador;
pero compadeceuse, porque eu obrei por ignorancia, sen ter aínda fe; [14]e a graza do noso
Señor abundou coa fe e o amor, que hai en
Cristo Xesús.

[15]Esta é palabra segura, merecente de que
todos a acollan: que Cristo Xesús veu ao
mundo para salvar os pecadores, dos que eu
son o primeiro. [16]Pero por iso mesmo compadeceuse, a fin de que Cristo Xesús amosase en min, o primeiro, toda a súa paciencia
como exemplo para os que habían crer nel
para lograr a vida eterna. [17]Ao Rei dos séculos, inmortal, invisible, único Deus: honra e
gloria polos séculos dos séculos! Amén.

### Recomendación a Timoteo

[18]Vouche facer unha gran encomenda, meu
fillo Timoteo, conforme as mensaxes inspiradas que se refiren a ti, para que, apoiado
nelas, sosteñas un bo combate, [19]armado de
fe e boa conciencia. Algúns rexeitárona e
naufragaron na fe: [20]entre eles están Himeneo
e Alexandre, aos que entreguei ao Maligno,
para que aprendan a non blasfemar.

### A pregaria litúrxica universal

**2** [1]Recomendo primeiro de todo que se fagan peticións, oracións, súplicas, accións
de grazas en favor de todos os homes, [2]polos
reis e por todos os que ocupan altos cargos,
para que poidamos ter unha vida calma e serea, baseada no pleno respecto mutuo e na
decencia. [3]Isto é fermoso e grato a Deus noso
Salvador. [4]El quere que todos os homes se
salven e cheguen ao coñecemento da verdade.

[5]Porque hai un único Deus e un único
mediador entre Deus e os homes: o home
Cristo Xesús, [6]que se entregou como rescate

**1**, 1 *Deus, noso Salvador*: o título "salvador", no resto do N. T., resérvase para Cristo Xesús, a diferenza destas Cartas, que o aplican tamén a Deus Pai (1Tim **1**, 1; **2**, 3; **4**, 1; Tit **1**, 3; **2**, 10; **3**, 4).

**1**, 2 Esta fórmula de saúdo con tres membros, *graza, misericordia e paz*, só se atopa aquí e mais en 2 Tim **1**, 2 e en 2 Xn 3. A fórmula habitual paulina é bimembre: "graza e paz" (Rm **1**, 7; 1 Cor **1**, 3; 2 Cor **2**...).

**1**, 3 *Doutrinas alleas*: distintas do Evanxeo predicado por Paulo.

**1**, 4 Non declara en concreto de que doutrina fala. Pénsase que se refire á filosofía xudía-gnóstica, de acento encratita (absterse do matrimonio e de certos alimentos).

**1**, 5 Recórdalle que o precepto central do Evanxeo é o do amor. Se o cumpren como é debido, chega. Todo o resto son lerias.

**1**, 15 Propón a que el chama "boa doutrina", que se centra na redención realizada en Cristo, que se entregou por amor.

**1**, 17 Unha doxoloxía de orixe litúrxico. As Cartas Pastorais incorporan moitas destas formas litúrxicas (**2**, 5-6; **5**, 21; **6**, 15-16; 2 Tim **1**, 9-10; **2**, 8; **4**, 1).

**1**, 18 A gran encomenda é que se manteña firme na fe recibida, para poder superar as dificultades do ministerio, que, coma o dos profetas, sempre encontrou forte oposición.

**2**, 2 As autoridades tamén están chamadas á conversión, aínda que sexan pagás.

**2**, 4 Afirmación fundamental, que hai que ter moi en conta ao tratar temas como o da "predestinación" ou o da "condenación".

por todos. Tal é o testemuño dado no tempo oportuno. 7A min fíxome o seu pregoeiro e apóstolo –digo a verdade e non minto–, mestre dos xentís na fe e na verdade.

**Actitude xeral no culto**

8Por iso quero que en todos os sitios recen os homes levantando as mans limpas, sen ira nin discusións. 9Do mesmo xeito tamén as mulleres, con vestido decente, con reverencia e modestia, que se adornen non con rizos, nin con ouro, nin margaridas, nin vestidos luxosos, 10senón coas boas obras, como cómpre a mulleres que profesan unha piedade verdadeira. 11A muller que aprenda en silencio e con toda submisión. 12Non lle consinto á muller que ensine, nin domine ao home, senón que estea calada. 13Porque primeiro crearon a Adán, despois a Eva. 14E a Adán non o enganaron, senón que a muller se deixou enganar e caeu no pecado. 15Salvarase, non obstante, grazas á súa maternidade, se se mantén na fe, no amor, na santidade e na modestia.

**Virtudes dos "bispos"**

**3** 1Esta é palabra segura: aquel a quen lle tire o "episcopado", desexa unha boa función. 2Pero cómpre que o "bispo" sexa irreprensible, home dunha soa muller, sobrio, asisado, comedido, hospitalario, capaz para o ensino; 3nin bebedor nin camorrista, senón indulxente; home de paz, non amigo dos cartos. 4Que goberne ben a propia casa e teña os fillos ben guiados, con dignidade, 5(pois se un non sabe estar á fronte da súa familia, como vai saber coidar a Igrexa de Deus?). 6Non neófito, para que non caia na condenación como caeu o Príncipe do Mal, ensoberbecéndose. 7Cómpre que teña boa sona tamén entre os de fóra, para evitar o desprestixio e que o atrape o demo.

**Bos modos dos "diáconos"**

8Da mesma maneira, que os "diáconos" sexan serios, sen retranca, nin moi amigos do viño nin dos negocios sucios, 9conservando o misterio da fe nunha conciencia limpa. 10Tamén a eles os hai que someter á proba primeiro; despois, se están sen tacha, que exerzan o ministerio. 11Sexan tamén así as súas mulleres: púdicas, nin lingoreteiras nin amigas do viño, en todo de fiar.

12Que os "diáconos" sexan homes dunha soa muller, que saiban gobernar ben os seus fillos e as súas familias, 13porque os que exercen ben este ministerio, adquiren para si un posto nobre e unha gran liberdade na fe que temos en Cristo Xesús.

**O cristián na Igrexa**

14Escríboche isto, esperando ir onda ti axiña. 15Por se tardar, rógoche que saibas comportarte como convén na familia de Deus, que é a Igrexa do Deus vivo, columna e alicerce da verdade.

16Estamos todos de acordo en que é grande o misterio da nosa relixión:

*Que se manifestou como home,*
*xustificou no Espírito,*
*apareceulles aos mensaxeiros,*
*predicáronllelo aos xentís,*
*creu nel todo o mundo,*
*foi exaltado na gloria.*

**Denuncia das falsas doutrinas**

**4** 1O Espírito di ben claro que nos tempos derradeiros algúns se afastarán da fe e lles farán caso a espíritos mentireiros e á doutrina dos demos, 2extraviados por raposeiros argallantes que teñen cauterizada a súa conciencia. 3Estes prohibirán que a xente case e coma certos alimentos, sendo así que Deus os creou para que con gratitude os coman os

**2**, 10 O verdadeiro vestido, o distintivo dos cristiáns, homes e mulleres, son as boas obras.

**2**, 11-15 Toda esta sección reflicte o contexto histórico no que escribe o autor da carta, moi preto das ensinanzas rabínicas do tempo. Hoxe cómpre ser moi cautos ao intentar sacar conclusións teolóxicas ou facer aplicacións prácticas, pois as circunstancias cambiaron radicalmente.

**2**, 11 As condicións do momento histórico en que escribe o autor, esixían esta actitude da muller, para evitar que a sociedade rexeitase o Evanxeo. Cando se afirma que a muller *será salvada pola súa maternidade* (v. 15), o autor estase opoñendo aos heréticos que desprezaban o matrimonio (1 Tim **4**, 3). Cando pide *silencio ás mulleres*, o autor quere cortar todo exceso de barullos e lerias pouco serias nas celebracións das asembleas litúrxicas cristiás (1Tim **5**, 13).

**3**, 1 A palabra *bispo* non tiña aínda o sentido técnico que ten agora: aínda non se distinguen ben dos presbíteros, ata un século despois, cando se describe a función dos Bispos como semellante á que hoxe teñen. Certo que xa daquela se trata dun dirixente destacado nunha comunidade xerarquizada. Timoteo era o responsable máis importante.

**3**, 2 *Home dunha soa muller:* casado unha soa vez. Paulo non lles permite as segundas nupcias. É a interpretación máis probable.

**3**, 8 *Diáconos*: a ton co sentido do vocábulo grego, son os "servidores" da comunidade, atentos ás súas necesidades, especialmente materiais, dedicados a coidar dos mais necesitados, enfermos e pobres.

**3**, 16 Trátase dun fragmento de himno cristián, tomado polo autor.

**4**, 1 Son moitos os textos bíblicos escatolóxicos nos que se advirte esta crise (cf 2 Tes **2**, 3-12; 2 Tim **4**, 3-4; 2 Pe **3**, 3; cf tamén Mt **24**, 6s).

**4**, 3 Parece que alude ás doutrinas xudías-gnósticas que condenaban a materia: en consecuencia refugaban o matrimonio e certos alimentos (cf nota a **1**, 4).

que cren e os que coñecen a verdade. [4]Porque todo o que Deus creou é bo e nada é rexeitable, cando se come con gratitude, [5]porque o santifica a palabra de Deus e a oración.

### As virtudes do bo ministro de Cristo

[6]Propoñéndolles estas cousas aos irmáns, serás un bo servidor de Cristo Xesús, alimentado coas palabras da fe e da boa doutrina, que con tanto coidado seguiches. [7]Rexeita as fábulas profanas e antigas, e exercítate na auténtica piedade. [8]O exercicio corporal é útil para pouco tempo; pero a piedade verdadeira é útil para sempre, porque contén a promesa da vida presente e da que está por vir.

[9]Esta palabra é moita verdade e todos debían acollela: [10]para isto traballamos e loitamos, porque esperamos en Deus vivo, que é o Salvador de todos os homes e maiormente dos que cren.

[11]Pregoa e ensina estas cousas. [12]Que ninguén faga pouco de ti por seres tan novo. Ti faite exemplo dos que cren: en ditos e feitos, en caridade, en fe, en limpeza. [13]Mentres non chego, dedícate á lectura, á exhortación, ao ensino.

[14]Non descoides o carisma que hai en ti, que se che deu pola profecía coa imposición das mans dos "presbíteros". [15]Coida estas cousas, mantente nelas, para que todos vexan como progresas. [16]Preocúpate de ti e da doutrina; mantente en todo iso, que, facéndoo, te salvarás ti e salvarás os que che fagan caso.

### Consellos para o bo goberno da comunidade. Os fieis en xeral

**5** [1]A un vello non o reprendas con dureza, senón exhórtao, como a un pai; aos mozos, como a irmáns; [2]ás vellas, como a nais; ás mozas, como a irmás, con toda delicadeza.

### Normas respecto das viúvas

[3]Honra ás viúvas que o son de verdade. [4]Se unha viúva ten fillos ou netos, que aprendan estes primeiro a respectar á propia familia e a corresponderlles aos seus pais, porque isto é o que lle agrada a Deus. [5]A viúva de verdade, a que está desamparada, pon a súa esperanza en Deus e persevera nas oracións e súplicas noite e día. [6]Pero a que se bota á vida do pracer, xa está morta en vida. [7]Recoméndalles estas cousas, para que sexan irreprensibles. [8]Se algún non coida dos seus e maiormente dos da propia familia, renega da fe, e é peor ca un non crente.

[9]Inscribe como viúva só a que teña máis de sesenta anos, que for muller dun só marido [10]e con sona de boas obras: se educou ben os fillos, se foi hospitalaria, se lavou os pés dos santos, socorreu os que o estaban pasando mal e aproveitou todas as ocasións de facer o ben.

[11]Non inscribas as viúvas novas porque, cando o pracer contrario a Cristo as atrae, queren casar. [12]Incorren así en culpa por teren faltado á primeira fidelidade. [13]Ao mesmo tempo afanse a ser preguiceiras, andando polas casas; e non só preguiceiras, senón tamén baralleiras e falando o que non convén.

[14]Quero, logo, que as máis mozas casen, críen fillos, gobernen a casa e non dean motivo ningún de discusión ao inimigo: [15]porque, algunhas xa se extraviaron detrás do Príncipe do Mal. [16]Se algunha crente ten viúvas ao seu cargo, que as asista, de xeito que non sexan un peso para a Igrexa, e así poida esta socorrer ás que son de verdade viúvas.

### A conduta dos presbíteros

[17]Os "presbíteros" que presiden ben, son dignos dun dobre honor, maiormente os que se afanan na predicación e no ensino. [18]Porque di a Escritura: *non lle porás bozo ao boi que trilla o gran*; e tamén: *o obreiro ten dereito ao seu xornal*.

[19]Contra un presbítero, non escoites acusación, agás no caso de que *dúas ou tres testemuñas a sosteñan*. [20]Aos culpables repréndeos diante de todos, para que os demais collan medo.

[21]Pídoche de corazón ante Deus e Cristo e os anxos escolleitos, que gardes estes consellos sen prexuízos e sen facer nada con parcialidade.

[22]Non impoñas deseguida as mans a ninguén, para non te faceres cómplice das faltas alleas. Consérvate limpo ti mesmo. [23]Non bebas auga soa, toma un chisco de viño por mor do teu estómago e das túas frecuentes doenzas.

**4**, 14 *A imposición das mans* é un rito usado xa no A. T. para bendicir, transferir algún poder ou comunicar o Espírito.
**5**, 3-16 *As viúvas* constituían unha especie de institución humanitaria, onde se acollían, coma nunha comunidade monacal, as mulleres que quedaban soas. Dedicábanse a traballos de asistencia aos pobres e forasteiros e mais á oración.

**5**, 17 *Dobre honor*: o que lle corresponde polo cargo e mais a remuneración pola dedicación ao ministerio, que se lle debe ofrecer como se fose un obsequio.
**5**, 18 Dt **25**, 4; Lc **10**, 7.
**5**, 19 Dt **19**, 15.

[24]Os pecados de certos homes logo se manifestan, xa antes de levalos a xuízo; os doutros, en cambio, só despois do xuízo se descobren. [25]Do mesmo xeito, tamén as obras boas son públicas; e as que non o son, tampouco non se poden agachar.

### Actitude dos escravos

**6** [1]Todos os que están baixo o xugo da escravitude, teñan aos seus propios amos por dignos da maior estima, para que non se maldiga o nome de Deus nin se desprece a doutrina. [2]Os que teñan amos crentes, non lles falten á consideración por seren irmáns; ao contrario, sírvanos mellor, por seren crentes e irmáns os que reciben os seus bos servizos.

### As falsas doutrinas e as verdadeiras ganancias

Isto é o que tes que ensinar e recomendar. [3]Se alguén ensina outra cousa e non segue as boas palabras –as do noso Señor Xesús Cristo, a doutrina conforme á verdadeira piedade–, [4]faise un soberbio: non entende nada, senón que se aparva con controversias e discusións baleiras, das que nacen envexas, rifas, palabras inxuriosas e malas sospeitas, [5]discusións parvas de homes con mente corrompida, carentes da verdade, que teñen a verdadeira piedade coma unha fonte de ganancia. [6]E certamente a verdadeira piedade, cando un se conforma co que ten, é a mellor fonte de ganancia. [7]Porque nada trouxemos ao mundo e nada podemos levar del.

[8]Contentémonos con ter para comer e para vestir. [9]Os que se queren facer ricos, caen en tentacións e trapelas e en moitas cobizas, todas perigosas, que botan os homes a perder e á ruína. [10]A raíz de todos os males é a avaricia: algúns, dominados por ela, afastáronse da fe e envurulláronse a si mesmos en moitas dores.

### Encomenda a Timoteo

[11]Pero ti, home de Deus, fuxe desas cousas e procura a xustiza, a piedade verdadeira, a fe, a caridade, a paciencia e a mansedume. [12]Loita na fermosa competición da fe, procura a vida eterna á que te chamaron e que confesaches de maneira brillante diante de moita xente. [13]Mándocho ante Deus, que fai vivir todas as cousas, e ante Cristo Xesús, que con tan magnífica confesión, deu testemuño ante Poncio Pilato: [14]garda o mandamento, sen lixo e sen tacha, ata a manifestación gloriosa do Señor noso Xesús Cristo. [15]No seu debido tempo amosarao o Deus bendito e único podente, Rei dos reis e Señor dos señores. [16]O único que ten a inmortalidade e que habita nunha luz inaccesible. A El ningún home o viu nin o pode ver. A El a honra e o poder eterno. Amén.

### Consellos para os ricos

[17]Aos ricos deste mundo mándalles que non sexan altivos nin poñan a esperanza na riqueza incerta, senón en Deus, que nos dá para gozar todas as cousas con gran abundancia. [18]Que fagan o ben, enriquecidos en boas obras, xenerosos en dar e dadivosos cos demais. [19]Así atesourarán para si un extraordinario capital para o porvir e acadarán a verdadeira vida.

### Saúdo final

[20]Timoteo, garda o depósito, evitando as lerias profanas e as obxeccións da falsa ciencia. [21]Por andaren niso algúns afastáronse da fe.

A graza sexa convosco!

**6**, 2 Os que se dan ás boas obras, uns cos outros, manifestan ser irmáns queridos, por riba de toda desigualdade social.
**6**, 10 Trátase dun refrán moi corrente naquela época.
**6**, 14 *O mandamento* abrangue toda a relixión cristiá. *Manifestación gloriosa* (“epifanía”) é a expresión peculiar das Cartas Pastorais para designar a “vinda” ou “revelación” do cabo dos tempos, como se chama noutros escritos do N. T.
**6**, 20 *O depósito* da fe: idea que se repite a miúdo nestas cartas. Refírese ao contido da divina revelación.

# SEGUNDA CARTA A TIMOTEO

**Saúdo**

**1** [1]Paulo, apóstolo de Cristo Xesús por
vontade de Deus para anunciar a promesa
da vida que hai en Cristo Xesús, [2]a Timoteo,
fillo querido: deséxoche a graza, a misericordia e a paz de Deus e de Cristo Xesús noso Señor.

**Fidelidade ao Evanxeo**

[3]Doulle grazas a Deus, a quen sirvo desde o nacemento con conciencia limpa, porque decote me lembro de ti nas miñas oracións, noite e día. [4]Cando me acordan as túas bágoas, véñenme ganas de te ver para me encher de alegría, [5]lembrando a túa fe sincera, que xa habitou na túa avoa Loide e na túa nai Eunice, e confío que tamén en ti.

[6]Por esta mesma causa recórdoche que reavives o carisma de Deus, que hai en ti pola imposición das miñas mans. [7]Porque Deus non nos deu un espírito feble, senón forte, de amor e de sobriedade. [8]Non teñas vergonza de noso Señor, nin de min, preso por el; ao contrario, faite partícipe dos meus sufrimentos polo Evanxeo, contando co poder de Deus. [9]El vivificounos e chamounos cunha vocación santa, non polas nosas obras, senón polo seu designio e pola graza que nos deu en Cristo Xesús antes de todos os tempos, [10]e que se manifestou agora pola aparición do noso Salvador, Cristo Xesús. El destruíu a morte e alumou a vida e a inmortalidade por medio do Evanxeo. [11]Deste Evanxeo constituíronme a min pregoeiro, apóstolo e mestre.

[12]Por esta causa precisamente padezo estas cousas. Pero non me importa, porque sei de quen me fiei, e estou certo que é podente para custodiar ata aquel día o depósito que me confiou. [13]Mantén como regra as palabras saudables que me escoitaches verbo da fe e da caridade de Cristo Xesús. [14]Garda o precioso depósito por medio do Espírito Santo, que mora en nós.

[15]Saberás que se distanciaron de min todos os de Asia, entre eles Fíxelo e Hermóxenes. [16]Concédalle o Señor misericordia á familia de Onesíforo, que me tivo animado moitas veces e non se avergoñou de que eu fora un preso. [17]Aínda máis, cando cheguei a Roma, axiña me buscou e atopoume: [18]que o Señor lle conceda achar a súa misericordia naquel día. E cantos servizos fixo en Éfeso, coñécelos ti mellor ca min.

**O bo soldado de Cristo**

**2** [1]Polo tanto ti, meu fillo, faite forte coa
graza que hai en Cristo Xesús. [2]E todo o que me escoitaches en presenza de tanta xente, propónllelo ti a homes de confianza que sexan capaces de llelo ensinaren a outros.

[3]Comparte os meus traballos coma un bo soldado de Cristo Xesús. [4]Ningún soldado en activo se deixa enguedellar nos negocios da vida, se quere compracer ao que o alistou. [5]E a ningún atleta lle dan o premio se non compite conforme ás regras atléticas. [6]Pero o labrego que traballa é o primeiro que ten dereito a participar dos froitos. [7]Entende ben o que che digo, pois o Señor hache dar entendemento en todo.

[8]Lémbrate de Xesús Cristo, resucitado dos mortos, da semente de David. Este é o meu Evanxeo, [9]polo que padezo ata estar preso coma un vulgar criminal. Pero a palabra de Deus non está encadeada. [10]Por iso soporto todas as cousas por mor dos escolleitos, para que tamén a eles lles toque en sorte a salvación que vén de Cristo Xesús, coa gloria eterna. [11]Esta é unha gran verdade:

Se morremos con el, tamén viviremos con el.

[12]Se padecemos con el, tamén reinaremos con el.

Se renegamos del, tamén el renegará de nós.

[13]Pero se fallamos na fe, el permanece fiel, porque non pode renegar de si mesmo.

**1**, 4 *As bágoas*: as que verteu, de seguro, cando o deixou en Éfeso.
**1**, 5 *A fe que... habitou* na avoa e na nai de Timoteo é unha personificación da fe, pouco presente nos escritos bíblicos.
**1**, 6 *Que reavives a chama do carisma*. A imaxe do lume vai moi vinculada co Espírito. Refírese á súa "ordenación".
**1**, 8 *De noso Señor*: lit. "do testemuño do noso Señor", a profesión manifesta de ser discípulo de Cristo, predicando o Evanxeo que contén o poder de Deus (cf Rm **1**, 16).
**1**, 12 *O depósito* de Paulo é o conxunto da súa predicación, que ninguén debe adulterar, nin os anxos (cf Gál **1**, 8).
**2**, 3 O apostolado é unha loita continua e dura, unha vida na fronte de batalla.
**2**, 6 Os tres exemplos (o do soldado, o do atleta e o do labrego) aluden á esperanza do premio pola que se someteu aos traballos e sufrimentos.
**2**, 8 A lembranza da resurrección daralle ánimos e forza para superar os obstáculos.
**2**, 11 Trátase dun fragmento dun antigo himno cristián.

### Gardarse dos falsos mestres

14Failles diario o acordo disto, amoestándoos diante de Deus, para que non discutan
sobre palabras: que iso non vale para nada
máis que para botar a perder aos que escoitan. 15Esfórzate por presentarte grato a Deus:
coma un traballador que non ten de que se
avergonzar, xa que reparte a palabra da verdade. 16Evita leriar en van: os que se deixan
levar, van sempre a máis na impiedade. 17As
súas palabras son coma a gangrena. Destes
son Himeneo e Fíleto, 18que se extraviaron da
verdade, dicindo que a resurrección xa aconteceu, e botaron a perder a fe dalgúns.

19Con todo, os cimentos sólidos de Deus
mantéñense rexos, e teñen o selo seguinte: *O Señor coñece aos que son del*; e: "afástese
da inxustiza todo o que invoca o nome do
Señor".

20Nunha casa grande non hai soamente
vaixelas de ouro e de prata, hainas tamén
de madeira e de barro; e unhas son para uso
nobre e outras para uso menos nobre. 21Polo
tanto, se un se limpa destas cousas, será un
utensilio honorable, santificado, útil para o
dono, axeitado para todo uso bo.

22Fuxe das paixóns da mocidade e procura a xustiza, a fe, o amor e a paz con todos
os que invocan ao Señor cun corazón limpo.
23Evita as discusións parvas e as controversias testanas, que xa sabes que xeraban loitas: 24en quen serve ao Señor non di ben a
contenda, senón o ser manso con todos, hábil para o ensino, tolerante; 25con moito xeito para educar os contraditores: quizais lles
dea Deus a conversión para o coñecemento
da verdade, 26e para se desenguedellaren das
trapelas do Maligno, que os ten apreixados
vivos para que lle fagan o que el quere.

### Os homes dos tempos derradeiros

**3** 1Ten ben sabido isto: que nos días derradeiros haberá momentos difíciles. 2A
xente volverase egoísta, avariciosa, fachendosa, presumida, maldicente, mal guiada cos
seus pais, sen caridade, impía, 3desnamorada,
falsa, calumniadora, altiva, ríspeta, inimiga
do bo, 4traizoeira, temeraria, foncha, máis
amante do pracer ca de Deus; 5terá aparencia de piedade, pero renegará da verdadeira
forza da mesma. Ti con xente desa non te
xuntes. 6Porque destes son os que se meten
nas casas e engaiolan ás mulleriñas ateigadas
de pecados e empurradas por moitas castes
de paixóns, 7que están sempre aprendendo
pero que non dan chegado ao coñecemento
da verdade. 8E da mesma maneira que Iannes
e Iambrés se arrepuxeron contra Moisés, así
tamén estes se arrepoñen contra a verdade:
homes de mente estragada, réprobos na fe.
9Pero non avantarán moito, porque a súa insensatez será manifesta a todos, como o foi a
daqueles.

### Tarefa dura de Timoteo

10Ti, en troques, seguíchesme a min na
doutrina, no xeito de vida, nos meus plans, na
fe, na paciencia, na caridade, na resistencia
11ás persecucións e aos sufrimentos (como os
que aturei en Antioquía, en Iconio, en Listra).
Que grandes persecucións soportei e de todas
me librou o Señor! 12E todos os que queiran
vivir coma bos cristiáns, padecerán persecución.

13Homes ruíns e sedutores irán de mal en
peor, enganadores e enganados. 14Ti mantente no que aprendiches e no que criches,
e que non che esqueza quen cho aprendeu.
15Porque xa desde neno coñeces as letras santas, que son podentes para che facer saber o
camiño da salvación pola fe en Cristo Xesús.

16Toda a Escritura está inspirada por Deus
e é útil para ensinar, para corrixir, para emendar, para educar na xustiza. 17Dese xeito, o
home de Deus tórnase perfecto e competente
para toda obra boa.

### Exhortación a Timoteo e anuncio da propia morte

**4** 1E pídoche por favor unha cousa diante
de Deus e de Cristo Xesús, que ha vir xulgar a vivos e mortos, pola súa Vinda gloriosa

**2**, 19 Alude ao uso de enterrar un documento na primeira pedra dos alicerces, cando se construía un edificio. A cita alude a Núm **16**, 5. 26.
**2**, 21 *Utensilio*: a palabra grega significa "vaso", pero o sentido é dun instrumento vivo.
**3**, 1 A Vinda gloriosa de Cristo no cabo dos tempos non sabemos cando será, pero, segundo esta simbólica de tipo apocalíptico, antes producirase unha gran decadencia moral da humanidade.
**3**, 2 Repítese aquí unha longa lista de vicios e pecados, semellante á que xa atopamos en Rm **1**, 29-31. Estas listas eran frecuentes nos escritos filosóficos daquel tempo.
**3**, 15 Como fillo dunha nai cristiá.
**3**, 16 *Toda a Escritura*: pode significar o "conxunto da Escritura" ou "cada pasaxe da Escritura": o resultado vén ser, en todo caso, o mesmo. A frase podiámola traducir tamén: "Toda a Escritura, inspirada por Deus, é útil..." Cómpre ter en conta que neste tempo Escritura significa directamente o A. T.; discútese se, dado que se trata dun texto serodio, se pode referir xa tamén a algúns escritos do N. T. En todo caso hoxe cando o canon inclúe A. T. e N. T. a afirmación vale para a Biblia enteira: en definitiva, Deus é quen nos fala a través da Escritura.

e polo seu reinado: [2]pregoa a palabra, insiste a tempo e a destempo, corrixe, reprende, aconsella con toda a paciencia que require a doutrina.

[3]Porque virán tempos nos que non escoitarán a verdadeira doutrina, senón que, conforme os seus caprichos, amorearán mestres que lles agarimen os oídos. [4]Afastaranse de escoitar a verdade e extraviaranse polo terreo dos mitos.

[5]Ti, en troques, mantente sobrio en todo, soporta o mal, fai obra de evanxelista, cumpre ben o teu servizo. [6]Porque a min xa me falta pouco para derramar o meu sangue, e o meu pasamento está a chegar. [7]Combatín unha loita brillante, rematei a miña carreira, gardei a fe. [8]O que me resta é a coroa da xustiza que me está reservada. E o Señor, que é xuíz xusto, hama entregar aquel Día; e non só a min senón a todos os que anhelan a súa Vinda gloriosa.

**Consellos persoais**

[9]Prepárate para vires onda min axiña, [10]porque Dimas me deixou, preferindo o mundo presente, e foise para Tesalónica; Crescente, para Galacia; e Tito, para Dalmacia. [11]Só Lucas está comigo. Recolle a Marcos e tráeo contigo, que me cómpre moito para o ministerio. [12]A Tíquico mandeino a Éfeso. [13]Cando veñas, tráeme o capote que deixei en Tróade onda Carpo, e mais os libros, maiormente os pergamiños.

[14]Alexandre, o ourive, fíxome moito mal: o Señor halle dar o pago do que fixo. [15]Ti, moito ollo tamén, porque fixo moito contra as nosas palabras!

[16]Na miña primeira defensa non me asistiu ninguén, todos me deixaron: Que Deus llelo perdoe! [17]Pero o Señor asistiume e deume forza para que eu rematase a predicación e todas as nacións a escoitasen. E libroume da boca do león. [18]O Señor hame librar de toda obra perversa e hame manter vivo para o seu Reino celestial. Sexa para El a gloria polos séculos dos séculos. Amén.

**Derradeiros saúdos**

[19]Dálles saúdos a Prisca, a Áquila e á familia de Onesíforo. [20]Erasto quedou en Corinto, a Trófimo deixeino en Mileto. [21]Apura para te vires antes do inverno. Mándanche saúdos Éubulo e Pudente, Lino e Claudia e todos os irmáns. [22]O Señor acompañe o teu espírito. A graza vaia convosco.

**4**, 10 *Galacia*: algúns ms. din “Galia”.

# CARTA A TITO

**Saúdo**

**1** [1]Paulo, servidor de Deus e apóstolo de Xesús Cristo, para levar os escolleitos de Deus á fe e mais ao coñecemento da verdade, que é conforme á piedade verdadeira [2]e que se apoia na esperanza da vida eterna. Deus, que non mente, prometera xa antes de todos os tempos esa vida [3]e ao tempo debido cumpriu publicamente á súa palabra pola predicación, que se me confiou, por mandato do noso Salvador Deus.

[4]A Tito, meu fillo lexítimo na fe común, deséxoche a graza e a paz de Deus, Pai de Cristo Xesús, o noso Salvador.

**Instrucións a Tito, para nomear responsables das comunidades en Creta**

[5]Deixeite en Creta, para que seguises endereitando o que faltaba e para que nomeases responsables en cada vila, tal como che prescribín eu: [6]teñen que ser xente honesta, homes dunha soa muller, que teñan fillos crentes, non acusados de mala conduta ou desobedientes. [7]Porque cómpre que o responsable sexa sen tacha, como administrador de Deus: nin soberbio, nin iracundo, nin insolente, nin rifador, nin amigo dos cartos, [8]senón hospitalario, amigo do ben, asisado, xusto, santo, e dono de si, [9]que se afinque na palabra certa conforme lla ensinaron, para que sexa capaz de exhortar pola doutrina verdadeira e de convencer aos contraditores.

**Coidado cos falsos mestres**

[10]Porque hai moitos rebeldes, paroleiros, mentiráns, maiormente entre os da circuncisión. [11]Cómpre facelos calar, porque perverten familias enteiras, ensinando o que non deben, nada máis que por gañaren cartos. [12]Xa un deles (e téñeno por profeta) dixo: "Cretenses: menten sempre, malas bestas, ventres lacazáns".

[13]E este dito saíu certo.

Por esta razón repréndeos con severidade, para que cheguen a ter unha fe sa [14]e para que non lles fagan caso a mitos xudaicos nin a mandamentos de homes que se afastan da verdade. [15]Todas as cousas son limpas para os limpos; en troques, para os contaminados e incrédulos nada non é limpo; teñen mesmo contaminadas a mente e mais a conciencia. [16]Afirmaban coñecer a Deus pero coas obras renegan del, sendo abominables, desobedientes e incapaces para toda obra boa.

**Deberes dos diferentes fieis**

**2** [1]Pola túa parte, ensina o que é conforme á boa doutrina. [2]Que os vellos sexan sobrios, serios, prudentes; sans na fe, na caridade, na paciencia.

[3]As vellas, o mesmo: que sexan honestas no coidado da súa compostura, nin lingoreteiras, nin moi amigas do viño, mestras do ben, [4]para que exhorten ás novas a quereren aos seus homes e aos seus fillos: [5]asisadas, limpas, boas administradoras da casa, submisas aos seus propios homes, para non desprestixiar a palabra de Deus.

[6]Exhorta tamén aos novos a seren asisados, [7]mostrándote ti mesmo en todo como exemplo de boa conduta: incorrupto na doutrina e serio. [8]Ensina unha palabra sa e indiscutible, para que o contrario se avergonce, non tendo nada malo que dicir de nós.

[9]Que os escravos se lles sometan en todo aos seus amos e sexan servizais e non respondóns, [10]nin raspiñeiros; ao contrario, que sexan plenamente fieis e honrados, para faceren honor á doutrina de Deus, o noso Salvador.

**Fundamento deses deberes**

[11]Porque a graza de Deus viuse que era fonte de salvación para todos os homes. [12]Ela ensínanos a que reneguemos da impiedade e das cobizas mundanas e vivamos no mundo

**1**, 5 *Responsables*: lit. "presbíteros", pero no v. 7 estas mesmas persoas denomínanse "bispos". Non se trata do que hoxe denominamos así. Son cargos semellantes aos das comunidades xudías, que se exercían colexialmente para dirixir a colectividade. O vocábulo grego "presbíteros" significa "sénior", "entrado en anos, máis vello", é dicir, os que constitúen algo así como un senado de responsables. "Epíscopos" significa "vixiante". Podía ser un presbítero en función especial. Encargábanse de atender a administración material, pero, sobre todo, a espiritual: ensinanza e coidados pastorais.

**1**, 12 Cita ao poeta cretense Epiménides de Cnosos (s. VI a. C.), ao que chama "profeta" no sentido de "vate".

**1**, 15 Énfase cristiá na disposición interior, na autenticidade da intención: cf Mt **15**, 11; Lc **11**, 41; Rm **14**, 20.

**2**, 1 Repite os consellos das cartas a Timoteo.

**2**, 11-14 Trátase dun auténtico resumo da cristoloxía: Cristo aparece como Deus e Salvador, como modelo e mestre da vida cristiá.

presente dun xeito asisado, xusto e respectuoso, [13]agardando a bendita esperanza e a manifestación gloriosa do noso gran Deus e Salvador Xesús Cristo. [14]El entregouse por nós, para nos redimir de toda iniquidade e purificar para si un pobo escolleito, afervoado, dedicado ás boas obras.

[15]Di estas cousas, exhorta e reprende con toda autoridade; que ninguén te desprece.

### Consellos xerais para os fieis

**3** [1]Recórdalles que se sometan ás autoridades, que as obedezan, que estean dispostos para toda obra boa. [2]Que non difamen a ninguén, que sexan pacíficos, xustos, amables con todo o mundo. [3]Noutrora fomos tamén nós toleiráns, rebeldes, extraviados, escravos de moitas cobizas e praceres, vivindo na maldade, na envexa, odiados e cheos de odio uns para os outros. [4]Pero cando apareceu a bondade e a humanidade de Deus, o noso Salvador, [5]salvounos non polas obras boas que nós fixemos, senón pola súa misericordia, por medio do baño do novo nacemento e polo poder renovador do Espírito Santo. [6]Ese Espírito que verteu sobre nós con abundancia, por Xesús Cristo, noso Salvador, [7]a fin de que, xustificados pola súa graza, fixerámonos herdeiros da vida eterna, conforme á esperanza.

### Consellos persoais para Tito

[8]Esta é doutrina certa. E eu quero que ti te afinques nela, para que os que creron en Deus se dediquen a practicar as boas obras. Isto é bo e útil para todos.

[9]Desbota, en troques, as pescudas extravagantes, as xenealoxías, as rifas, as polémicas sobre a Lei: son inútiles e sen substancia. [10]Ao causante de divisións repréndeo unha vez ou dúas. Despois prescinde del, [11]tendo ben sabido que ese tal é un perverso e peca, condenándose el mesmo.

[12]Cando cheguen onda ti Artemás ou Tíquico, apura a vir onda min a Nicópole, porque decidín pasar alí o inverno. [13]Dálles o preciso para a viaxe ao avogado Zenas e mais a Apolo, para que non lles falte nada. [14]Aprendan os nosos a faceren o ben atendendo ás necesidades urxentes, e así non serán improdutivos.

### Saúdo final

[15]Mándanche recordos todos os que están comigo. Dálles saúdos a todos os amigos na fe. A graza vos acompañe a todos!

**2**, 13 *A manifestación gloriosa do noso gran Deus e Salvador Xesús Cristo*. Hai quen traduce: "a manifestación da gloria do gran Deus (Pai) e do noso Salvador Xesús Cristo".

**3**, 5 *Baño*: refírese ao Bautismo, do que indica os efectos nos vv. 6-7.

**3**, 10 *Causante de divisións*: lit. "home herexe", é dicir, faccioso, cismático, que sementa a desunión na comunidade.

# INTRODUCIÓN Á CARTA A FILEMÓN

## 1. Ocasión e contido da Carta

*A carta máis curta de Paulo é tamén unha das máis interesantes, porque nela ten que afrontar un dos piares da estrutura socioeconómica do seu tempo: a escravitude.*

*Onésimo, escravo de Filemón (un cristián de Colosas), fuxira buscando a liberdade. Paulo atópao, polo que parece, en Roma. Faino cristián. A Lei de Moisés (Dt **23**, 16-17) prohibía devolvelo ao seu amo. Pero a Lei de Roma mandaba devolvelo e tiña previstos severos castigos tanto para o fuxitivo como para os cómplices. Paulo primeiro pensa quedarse con el. Despois mándallo a Filemón, insinuándolle que llo devolva e pedíndolle seriamente que non o trate xa como un escravo, senón como un irmán benquerido.*

*É notorio que a idea que ten Paulo das repercusións sociopolíticas do cristianismo, en ningún caso chega a proclamar un cambio social radical (1 Cor **7**, 17-24; Ef **6**, 5-8). Paulo aquí e nos textos citados limítase a predicar aos escravos servizo e paciencia; e aos amos, bo trato. A institución da escravitude, como toda a orde social do Imperio Romano, recoñécese como algo dado e acátase (Ti **3**, 1), aínda que se relativiza, como algo externo e efémero, como a Cidade do Demo. Este é o sentido de Gál **3**, 28.*

*Paulo prohibe os malos tratos. Filemón, segundo a Lei de Roma, podía castigar a Onésimo; mais Paulo mándalle que o reciba como a un irmán.*

*Que significa isto? O principio da fin da escravitude? A fin, como queren algúns apoloxistas? Non. A escravitude non é cuestión de mellor ou peor trato, senón unha dependencia absoluta e unha carencia de dereitos. Sempre houbo escravos ben tratados, mesmo amigos dos amos: pero non deixaban de seren escravos.*

*O cristianismo non ten o mérito da abolición da escravitude. Esta naceu por razóns económicas, vivirá mentres as razóns económicas non cambien e desaparecerá cando deixe de ser necesaria ou posible: isto din os historiadores. Certo que a Igrexa admitiu dentro de si os escravos. E tampouco non viu dificultade en que os cristiáns tivesen escravos (1 Tim **6**, 2), como é o caso de Filemón, e a propia Igrexa tivo escravos e chegou a censurar os teóricos abolicionistas. Véxase, se non, o famoso Concilio de Granges do 324, excomungando aos que "co gallo de piedade lle metan na cabeza a un escravo que menosprece ao seu amo, que fuxa ou que non o sirva con boa vontade e respecto".*

*Con todo, Paulo non é "dualista": a relación mestre-escravo non fica totalmente abolida no plano sociolóxico, pero queda radicalmente relativizada. En definitiva, Onésimo é irmán do seu amo Filemón e ese é o trato que del ten que recibir, "de home e de cristián!" (v. 16). A orde social non está aínda cambiada, pero está xa posta en cuestión.*

*Con ser isto certo, temos que evitar xuízos anacrónicos. Nestes primeiros tempos, os cristiáns aínda non maduraran a súa reflexión e simplemente repiten a mentalidade común da época.*

## 2. Autor, data e lugar

*Da autenticidade desta carta dubidan moi poucos: o estilo é tan "paulino" que parece innecesario buscar outro autor. Escribiuna ou en Roma ou en Cesarea, polo mesmo tempo da Carta aos Colosenses (entre o 61 e o 63).*

# CARTA A FILEMÓN

[1]Paulo, preso por Cristo Xesús, e mais o
irmán Timoteo, saudámoste a ti, o noso que-
rido amigo e colaborador Filemón, [2]e sauda-
mos tamén á irmá Apia, ao noso camarada
Arquipo e á comunidade que se xunta na túa
casa. [3]Desexámosvos a alegría e a paz de
Deus, o noso Pai, e do Señor Xesús Cristo.
[4]Doulle grazas decote ao meu Deus, ao me
lembrar de ti nas miñas oracións, [5]porque oio
falar do amor e da fidelidade que tes ao Señor
Xesús e a todos os membros do pobo santo.
[6]Pido que a solidariedade da túa fe se poña en
marcha, ao comprenderes que todo o ben que
temos é para Cristo.

[7]Alegroume e animoume moito a túa ca-
ridade, meu irmán: grazas a ti, o pobo santo
está máis confortado. [8]Por iso, aínda que teña
liberdade en Cristo para che mandar o que
veña ao caso, [9]cádrame máis pedircho, ape-
lando á túa caridade. Así, sen máis título que
ser eu Paulo, un vello que agora está preso
por Cristo Xesús, [10]pídoche por Onésimo, o
meu fillo, que xerei estando na cadea. [11]En
tempos foiche inútil, mais agora vai ser un
verdadeiro "Onésimo", é dicir, útil para ti e
para min tamén. [12]Velaí cho mando. Velaí che
vai unha parte de min. Recíbeo!

[13]Pensei en me quedar con el, para que
me axudase no teu lugar, mentres estou
preso polo Evanxeo. [14]Pero non quixen fa-
cer nada sen contar co teu consentimento,
para que non fagas este ben á forza, senón
porque che sae de dentro. [15]Igual por iso
marchou de onda ti algún tempo: a fin de
que agora o recuperes para sempre, [16]non
xa como escravo, senón como algo máis ca
escravo: coma un irmán benquerido. Para
min é moi querido; moito máis o vai ser
para ti, como home e como cristián! [17]Así
que se me consideras un amigo, acólleo
coma a min. [18]Se en algo te prexudicou ou
se algo che debe, pono na miña conta. [19]Eu,
Paulo, firmo co meu puño e letra: pagarei-
no eu. Iso para non falar de que ti mesmo
te me debes. [20]Anda, irmán; que eu saque
algo de ti no Señor. Tranquilízate ti como
cristián.

[21]Escríboche fiando en que me vas facer
caso e sabendo que has facer máis do que eu
che digo.

[22]Aí, e vaime preparando onde parar, que,
grazas ás vosas oracións, ides ter o regalo de
que eu vaia aí.

[23]Recordos de Epafras, o meu compañei-
ro de cadea, en Cristo Xesús. [24]Saúdos dos
meus colaboradores: Marcos, Aristarco, Di-
mas e Lucas. [25]A graza do Señor Xesús Cris-
to sexa convosco!

11 *Onésimo*. Xogo de palabras, pois este vocábulo, en grego, significa "útil".
13 *Polo Evanxeo*: lit. "preso nas cadeas do Evanxeo". Para Paulo o estar preso forma parte da súa tarefa, da súa misión.
16 *Como home e como cristián*: lit. "na carne e no Señor".

# INTRODUCIÓN Á CARTA AOS HEBREOS

## 1. Carácter xeral da obra

*Nunha lectura de corrido, o lector alleo aos estudos bíblicos atópase na carta con afirmacións e frases de gran sentido espiritual e relixioso, que lle din moito á súa fe cristiá. Pero a carón destas frases e fórmulas luminosas atópase cunha serie de alusións a pasaxes e frases do A. T. que, se é curioso e as vai confrontar na súa Biblia ou nun comentario moderno, atopará un sentido moi distinto do que lle dá a esas frases ou pasaxes o autor de Hebreos. Isto produce desilusión, desánimo e a sensación de que é radicalmente imposible comprendela no mundo de hoxe.*

*Cómpre ter en conta que a Biblia foi e debe seguir sendo un libro ao servizo da fe e da teoloxía dun pobo. Como libro, o A. T. conseguiu a súa fixeza literaria arredor do século VI e V a. C. nas súas partes máis sacras: a Lei e a meirande parte dos Profetas; pero tiña que ser adaptado ás diferentes situacións da vida cambiante en situacións e en problemas ideolóxico-relixiosos xurdidos ao contacto con outras culturas. Pero estes problemas había que resolvelos á luz da norma sacra, do libro, que para o pobo era a palabra mesma de Deus. Esta actualización do texto sacro e a comprensión de certas pasaxes escuras fíxose segundo unhas técnicas que coñecemos co nome hebreo de "midrax".*

## 2. O midrax en Hebreos

*A maneira máis sinxela de nos curar dos nosos reparos ante Heb é expoñer en concreto como neste escrito se fai uso das sete regras mais antigas ('middot') do midrax, aínda que soamente sexa con algúns exemplos:*

1. *É o argumento 'a fortiori': "se isto foi así... moito máis... con moita máis razón" (cf **2**, 2-4; **9**, 13-14; **10**, 28-29; **12**, 9. 25).*

2. *A analoxía verbal (sentencia equivalente): dous textos da Escritura xúntanse por mor da analoxía verbal, neste sentido pódense ver as citas de **1**, 5-13.*

3. *Formación dun patrón, partindo dunha escritura: cando a mesma expresión ou palabra se atopa en diferentes pasaxes, o midrax ou consideración descuberta nun deles serve para os outros. En **5**, 5-6 o primeiro texto afirma do pronome 'ti' a filiación divina, e este carácter vale para o "ti" da segunda cita (que de seu é independente da anterior).*

4. *Formación dun patrón, partindo de dous textos: con dúas frases da Escritura faise un principio aplicable a outras pasaxes. Así en **2**, 6-9, de dúas frases da cita deduce o sentido da morte e glorificación sacerdotal de Cristo; en **2**, 13-18 das dúas citas deduce o autor que Xesús coa súa morte e resurrección recibe o poder de transformarnos, pero todo isto, porque somos irmáns: **4**, 3-10.*

*5. O xeral e o particular: dunha regra xeral faise unha aplicación a un caso particular ou dun caso particular tírase un principio xeral. En **3**, 12-14 sácase dun caso particular (a peregrinación no deserto) un principio xeral.*

6. *Soluciónase a dificultade dun texto por comparación con outro parecido (sen precisar de semellanza verbal). Todo o gran midrax sobre Xén **14**, 17-20 que o autor fai en **7**, 1-9, ten a finalidade de probar que o Sumo Sacerdote para sempre á maneira de Melquisedec do Sal **110**, 4 é Xesús.*

*Algunhas características da literatura midráxica son as seguintes: a) tendencia do midrax ao sensible, concreto e persoal: a fixar e completar detalles (**7**, 3), a concretar os feitos nuns determinados espazos, tempo e personaxes (**7**, 1-10); b) tendencia aos contrastes bruscos (**5**, 8) e ás matizacións (cf **5**, 7); c) tendencia a valorar os máis pequenos detalles (**7**, 1-3); d) perseguen sempre unha finalidade exclusivamente maxisterial e directiva, non estética nin recreativa; e) eluden palabras ou frases que non lles interesan e interpretan o que recollen conforme a un contexto distinto (cf a cita de **10**, 5-7 e o comentario, entendendo as disposicións cúlticas do xudaísmo); f) illan unha frase do contexto, integrándoa noutro distinto. Pode darse incluso o midrax de toda unha sección ou dun libro enteiro ou de toda a Biblia (o longo midrax do c. **11** verbo do tema da fe, que abarca case toda a Biblia).*

## 3. Xénero literario

*A este escrito chámaselle carta por costume e tradición, e de carta ten, de certo, a conclusión: **13**, 20-25; con todo fáltalle o normal encabezamento onde figuran o autor, os destinatarios, saúdos, etc. Case todos os especialistas de hoxe considérana un sermón no que precisamente se desenvolve o tema do sacerdocio de Cristo, cunha visión*

*teolóxica moi particular do autor e cunhas exhortacións moi ben axeitadas á exposición dogmática.*

*Este xeito de pensar confírmao o mesmo texto; o autor endexamais nos di que escribe, senón que fala (**2**, 5; **5**, 11; **6**, 9; **9**, 5; **11**, 32). Trátase dun sermón ao estilo dos sermóns da sinagoga. Líase a Biblia, e explicábase en referencia a feitos da vida social; e o mesmo facían os cristiáns nas súas xuntanzas litúrxicas para celebraren a Eucaristía.*

## 4. O autor

*Nas Igrexas orientais atribuíuse esta carta de forma case unánime a san Paulo, presentando como explicación das diferenzas con respecto ao estilo paulino a conxectura de san Cremenzo de Alexandría: sería Paulo quen compuxo en hebreo e Lucas quen traduciu ao grego; ou a de Oríxenes, quen suxire que o autor sería un discípulo de Paulo (**2**, 3).*

*Na Igrexa romana aparece o primeiro testemuño do seu uso con autoridade bíblica arredor do ano 95, na carta de san Cremenzo Romano aos Corintios. Foi o torto uso que fixeron da carta algunhas herexías o que provocou unha reacción na Igrexa occidental contra ela: os rigoristas (que non querían admitir á reconciliación penitencial os que apostataran nos momentos de persecución) apoiaban a súa doutrina en **6**, 4-6 e **10**, 26; os arrianos aducían o texto de **3**, 2 para probar que o Verbo é unha criatura. Por isto no século IV aínda non se lía na liturxia romana. A introdución no canon das Escrituras á fin do século IV debeuse ás opinións de san Xerome e santo Agostiño, que aceptaron a inspiración desta carta, baseados no uso e na fe das Igrexas de Oriente.*

*O feito de figurar na lista do "canon bíblico" despois das cartas de san Paulo, favoreceu na Igrexa occidental a atribución a san Paulo.*

*O concilio de Trento aceptou a inspiración da carta, pero non se quixo pronunciar verbo da autenticidade paulina da mesma. A opinión xeral hoxe é que a carta non é de san Paulo. Non se atopa na carta o estilo impetuoso e retorto de san Paulo, senón un estilo sereno, equilibrado, que mide os termos. O vocabulario é moi distinto do de san Paulo: abonde constatar que nela aparecen cento cincuenta e unha palabras que non se atopan no resto do N. T. Non se atopan as expresións típicas de Paulo "Cristo Xesús", "en Cristo"; só fala unha vez da resurrección de Xesús (**13**, 20) e moitas veces da súa entronización celeste; ten unha visión do sacerdocio de Xesús Cristo única no N. T.*

*Con todo, atópanse certas semellanzas teolóxicas co pensamento de san Paulo: a paixón do Señor preséntase como un acto de obediencia voluntaria (**5**, 8; **10**, 9; Rm **5**, 19; Flp **2**, 8); afirma insistentemente a ineficacia da Lei e a súa abrogación (7, 11-19; **10**, 1-10; Rm **4**, 15; **5**, 20; Gál **3**, 21-25); o tema do sacrificio e sacerdocio de Xesús Cristo, tema fundamental de Heb, ten os seus mellores paralelos en Rm **3**, 25; 1 Cor **5**, 7; Gál **2**, 20; Ef **5**, 2. 25); a cristoloxía de Heb é moi parecida á das cartas da catividade de san Paulo: o Fillo é imaxe de Deus, encomiado sobre os anxos, o Nome que El recibe, etc.*

*En definitiva, quen foi o autor "só Deus o sabe", como dixo Oríxenes; nós só coñecemos a súa obra e dela temos que concluír que foi unha persoa de lingua grega, que coñecía á perfección os costumes xudeus, as técnicas da esexese midráxica e a lóxica rabínica; como supón o P. Spicq, tivo que ser un profesor de estudos bíblicos, a xulgar pola súa obra.*

## 5. Data de composición

*Aínda que en **13**, 23-24 a carta alude a circunstancias moi concretas, á hora de datala non nos serven de gran cousa. Non obstante podemos fixar esta data por certos indicios: tivo que ser composta bastante antes do ano 95, xa que nesta data fai uso dela san Cremenzo Romano na súa carta aos Corintios (c. **36**); outro dato interesante é que tivo que comporse antes da destrución do templo de Xerusalén, xa que ao insistir tanto na ineficacia e abrogación dos sacrificios levíticos e de toda a súa liturxia, non se explicaría sen existir o templo, lugar exclusivo desta liturxia. Esta alusión aproxímanos á data das cartas da catividade paulina, coas que fixemos notar certa semellanza teolóxica. A opinión máis probable, ao noso entender, é a que sitúa a carta na parte final dos anos sesenta.*

# CARTA AOS HEBREOS

**Exordio: a revelación por medio do Fillo de Deus**

**1** [1]En moitas ocasións e de moitos xeitos
veulles falando Deus en tempos pasados
aos nosos devanceiros por medio dos profetas. [2]Agora, neste período definitivo, falounos por medio dun que lle é Fillo, a quen
fixo herdeiro de todo, pois xa creara por
medio del o mundo e as idades. [3]El é reflexo
da súa gloria e imaxe do seu ser, El sostén
todas as cousas coa súa poderosa palabra e,
despois de realizar a purificación dos pecados, sentou á dereita do Pai nas alturas,
[4]facéndose tanto máis poderoso ca os anxos,
canto que herdou un título máis valioso ca o
deles.

## TÍTULO MÁIS VALIOSO CA O DOS ANXOS

**Fillo de Deus**

[5]Porque a cal dos anxos lle dixo algunha
vez: *Ti es o meu fillo, hoxe xereite eu*; ou tamén: *Eu serei para El un pai e El será para
min un Fillo?* [6]E outra vez máis, cando fala
de introducir o Fillo primoxénito no mundo
celeste, di: *Adóreno todos os anxos de Deus*.
[7]E, por outra parte, dos anxos di: *O que fai
dos seus anxos ventos, e dos seus ministros,
chispas*. [8]Do Fillo, en troques, di:

*O teu trono, meu Deus,*
*permanece para sempre*
e tamén:
*Cetro de rectitude é o teu cetro de Rei.*
[9]*Amaches a xustiza*
*e aborreciches a iniquidade;*
*por iso Deus, o teu Deus,*
*preferiute aos teus compañeiros,*
*unxíndote con perfumes de festa*.

[10]E outra vez di así:

*Ti, Señor, nos comezos cimentaches a terra,*
*feitura das túas mans é o ceo,*
[11]*todo iso perecerá, pero ti permaneces:*
*todo se volverá vello coma un vestido,*
[12]*daraslle a volta, coma se fose unha capa,*
*e cambiarase coma se fose un vestido.*
*Pero Ti es sempre o mesmo,*
*os teus anos non acabarán*.

[13]E, a cal dos anxos lle dixo algunha vez:

*Senta á miña dereita,*
*ata que Eu faga dos teus inimigos*
*un estrado para os teus pés*?

[14]Que outra cousa son todos eles, se non
espíritos que están ao servizo del, para que
os mande en axuda dos que han herdar a salvación?

**1**, 1 *Devanceiros*: lit. "pais", os antepasados ancestrais de Israel, de quen se fan descendentes os pagáns mediante a fe en Xesús Cristo (cf Rm **4**, 16-18; 1 Cor **10**, 1ss; Gál **3**, 29).
**1**, 2 *Período definitivo*: lit. "no derradeiro dos días estes". A expresión está tomada da literatura profética. Indica os últimos tempos, pero tamén indica o período definitivo da historia salvífica (cf Is **2**, 2; Xer **23**, 20; Ez **38**, 16; Dn **10**, 14). O autor afirma que a derradeira intervención de Deus na historia é "esta", ao falarnos polo seu Fillo (cf Feit **2**, 17; 1 Cor **10**, 11; 1 Pe **1**, 20).
*Falounos*: o verbo *laléin*, aínda que o traducimos por falar, ten o sentido de "revelar" e "revelarse". Inclúe a revelación pola palabra e polos feitos históricos interpretados pola palabra; e por isto o contexto conseguinte non alude ás palabras de Xesús Cristo, senón aos seus feitos.
*Fillo*. A falta de artigo no texto grego quere expresar a filiación divina de Xesús Cristo. A súa calidade de herdeiro universal do Reino de Deus é consecuencia da categoría de Fillo, como se deduce dos textos paralelos (Mt **11**, 27; **21**, 33-41; Lc **1**, 32c; Xn **3**, 35; **5**, 22; **13**, 3; **17**, 2).
**1**, 3 A súa gloria é a gloria de Deus. A gloria é tradución do *kabod* hebreo, que significa peso, presenza, gloria; aquí significa presenza poderosa. Cf o paralelismo desta expresión con Sab **7**, 25-26, texto do que depende Heb **1**, 3.
**1**, 4 *Título*: lit. "nome". O nome, para o semita, indica o que a persoa é, e por isto equivale a *título*; e o *título* que Xesús Cristo herdou na súa glorificación é o de Fillo (v. 2): a humanidade de Xesús Cristo recibe en plenitude a súa divinización na súa glorificación e entronización celeste, aínda que esta divinización da súa humanidade se basee na categoría de Fillo preexistente: Cf Rm **1**, 3s.
**1**, 5 As citas son do Sal **2**, 7, salmo de entronización do rei de Israel, considerado "fillo de Deus" por posuír o poder real propio e exclusivo de Deus (1 Sam **8**, 7). O autor fai unha interpretación cristiá do salmo, aplicándollo á entronización celeste do Cristo glorioso.
**1**, 7 A cita é do Sal **104**, 4. O autor de Heb segue a interpretación targumizante dos LXX, para indicar que os anxos son seres mudables, cambian de ser e de función, mentres que o Fillo ten un dominio inmutable.
**1**, 8-9 Citas do Sal **45**, 7-8. No T. M. dise: "o teu trono é divino (de Deus), eterno"; pero os LXX entenden "de Deus" como un vocativo, aspecto que lle vén ben ao noso autor.
**1**, 10-11 Cita do Sal **102**, 26-28, e no salmo isto dise de Deus; pero o autor de Heb aplícallo ao Fillo, facendo así un comentario bíblico ao que nos dixo no v. 2, ao mesmo tempo que confirma a idea da estabilidade e eternidade do Fillo e da súa obra.
**1**, 13 Cita do Sal **110**, 1, para confirmar a entronización celeste de Xesús Cristo.

### Palabras de ánimo

**2** [1]Por isto temos que poñer toda a atención
ao que un día oímos, non sexa que andemos á deriva. [2]Pois se a Lei ditada por anxos foi valedoira, de xeito que toda transgresión e desobediencia a ela recibiu xusto castigo, [3]de que xeito nós fuxiremos do castigo, se descoidamos salvación de tanta valía? Porque esta salvación tivo principio na predicación do Señor e confirmáronnola despois os que a escoitaron, [4]ao mesmo tempo que Deus acompañaba o seu testemuño con prodixiosos sinais e con milagres de varios xeitos e cos dons do Espírito Santo repartidos conforme a súa vontade.

### Irmán dos homes

[5]Porque non someteu aos anxos ese futuro mundo celeste do que falamos. [6]Nalgunha parte o testemuña alguén, cando di:

*Quen é o home para que te lembres del,*
*ou a raza humana para que mires por ela?*
[7]*Só o rebaixaches un chisco*
*con respecto aos anxos,*
*coroáchelo de gloria e dignidade:*
[8]*todo llo someteches a el*.

Ao dicir que lle someteu todo, non puido deixar nada sen lle someter. Certo que agora aínda non vemos que todo estea sometido ao home; [9]con todo, xa vemos que aquel que *rebaixaron só un chisco con respecto aos anxos*, Xesús, por aguantar os padecementos da súa morte, está coroado de gloria e dignidade. Deste xeito, a súa morte foi unha bendición de Deus para todo home.

[10]Efectivamente, conviña que aquel para quen e por quen todo existe, se quería levar moitos fillos á gloria, levase á máxima perfección por medio do sufrimento ao que ía ir á cabeza dos que se salvarían; [11]pois o consagrante e os consagrados teñen que ser todos da mesma liñaxe. Por isto non se avergonza de lles chamar irmáns, [12]cando di:

*Pregoarei ante os meus irmáns*
*o ben que fixeches,*
*no medio da nosa asemblea*
*heiche de cantar cántigas*.

[13]E noutro sitio di:

*Nel poñerei toda a miña confianza*,

e aínda máis:

*Aquí estamos:*
*eu e mais os fillos que Deus me deu*.

[14]Por isto, xa que os fillos participan todos da mesma carne e do mesmo sangue, tamén El participou igualmente da carne e do sangue, para que coa súa morte puidese deixar sen forzas o que retiña o poder da morte, isto é, Satán; [15]e deste xeito, librar a cantos por medo á morte pasaban a vida nunha escravitude.

[16]Porque está claro que a quen lles vén botar unha man, non é aos anxos, senón aos fillos de Abraham. [17]Por iso tiña que asemellarse aos seus irmáns en todo, para deste xeito poder ser Sumo Sacerdote, que se doia de nós e de quen un se poida fiar nas cousas que se refiren a Deus e así poida expiar os pecados do seu pobo; [18]porque el xa pasou a proba de sufrimento, pode axudar aos que agora se atopan na proba.

**2**, 2 Esta sección exhortativa únese coa anterior por medio do vocábulo "anxos" que, segundo unha tradición rabínica testemuñada en Feit **7**, 53; Gál **3**, 19, foron os transmisores da Lei do Sinaí a Moisés.

**2**, 4 *Con prodixiosos sinais e con milagres:* lit. "con prodixios, sinais e milagres" (cf Mc **16**, 17-18. 20; Feit **2**, 19. 22; **6**, 8; **7**, 36; 2 Cor **12**, 12; 2 Tes **2**, 9).

**2**, 6-8 A cita é do Sal **8**, 5-7, que tamén se lle aplica a Xesús Cristo en 1 Cor **5**, 27 e Ef **1**, 22.

**2**, 10 Coa expresión *levar á máxima perfección* queremos traducir o verbo grego *teleioún* que inclúe a idea de perfección (*télos*) e tamén é o termo técnico do grego dos LXX para indicar o rito da consagración sacerdotal. Estas dúas ideas están recollidas neste lugar e en gran parte en todo o amplo uso que o autor fai deste termo na carta.

**2**, 11 Xesús Cristo converteuse na súa glorificación en Sumo Sacerdote e introdutor dos homes na gloria; pero para isto ten que ser solidario con eles, cunha solidariedade que lle veña da súa condición humana (da carne e do sangue: v. 14): ten que ser e sentirse irmán dos homes.

**2**, 12 A cita é do Sal **22**, 23, un salmo de lamentación e súplica individual, que xa a tradición sinóptica lle aplica ao Cristo sufrinte da paixón (cf Mt **27**, 43. 46; Mc **15**, 24. 29. 34; Lc **23**, 25; Xn **19**, 24).

**2**, 13 Na mesma liña do v. 12: Xesús Cristo sufrinte, como continuador da actitude de confianza absoluta en Deus (a primeira cita é de Is **8**, 17 segundo os LXX = 2 Sam **22**, 3 LXX) no momento da persecución (Is **8**, 11-18), é ao mesmo tempo continuador do David perseguido e salvado por Deus. A segunda cita deste v. está tomada de Is **8**, 18. En Is refírese aos discípulos do profeta, aos que en hebreo se lles chama fillos; Heb **2**, 14 comenta esta filiación no sentido de participación da mesma natureza humana (carne e sangue: cf Mt **16**, 17; 1 Cor **10**, 50; Gál **1**, 16; Ef **6**, 12) e de liberación do influxo diabólico, que leva ao pecado e á morte.

**2**, 15 Cf Rm **5**, 12-21.

**2**, 17 No A. T. é un rito de purificación (Lev **4**, 20; **16**, 6; **17**, 11); aquí, coma no resto do N. T., é o poder de Xesús Cristo resucitado, de librar aos homes dos seus pecados (cf **7**, 25; **9**, 14; 1 Xn **2**, 1-2).

# SUMO SACERDOTE QUE SE DOIA DUN E DE QUEN UN SE POIDA FIAR

### Fiarse de Moisés e fiarse de Xesús

**3** [1]Por iso, meus sagrados irmáns, que tedes parte na mesma chamada celeste, atendede ao pregoeiro e Sumo Sacerdote da fe e da esperanza que profesamos, Xesús. [2]El merécelle fe ao que o puxo, coma a Moisés, á fronte de toda a súa familia. [3]Porque Xesús ten ben merecida unha gloria tanto máis grande ca a de Moisés, canto ten máis honor o que constrúe unha casa do que a casa mesma: [4]porque toda casa ten un construtor, pero o que constrúe todo é Deus. [5]Abofé, Moisés mereceu confianza como criado, para poder testemuñar a toda a casa o que lle foran dicindo; [6]mais Cristo mereceu a confianza como Fillo e sobre a súa propia casa: casa del somos nós, se nos mantemos achegados a Deus na liberdade e se nos prezamos do que esperamos.

### Chamada á fidelidade para entrar no acougo de Deus

[7]Por isto, fala o Espírito Santo:
*Se hoxe oídes a súa voz,*
[8]*non endurezades o voso corazón,*
*coma cando vos rebelastes,*
*coma o día da proba no deserto,*
[9]*cando vosos pais me tentaron,*
*para veren onde chegaba,*
*aínda que xa viran os meus feitos*
[10]*durante corenta anos:*
*por isto me deu carraxe aquela xente,*
*e dixen: o corazón*
*ándalles sempre descarreirado,*
*non se deron conta do meu comportamento;*
[11]*por iso xurei cheo de indignación:*
*endexamais non entrarán no meu acougo!*
[12]Ollade, irmáns, non sexa que algún de vós teña un ruín e incrédulo corazón, que o aparte do Deus vivo; [13]vós, en troques, alentádevos uns aos outros día tras día, mentres se pregoa este hoxe, de xeito que ningún de vós se deixe endurecer, engaiolado polo pecado. [14]Porque seguimos sendo compañeiros de Cristo, sempre que manteñamos firme ata a fin a confianza absoluta de cando comezamos. [15]Xa que se nos di:

*Se hoxe oídes a súa voz,*
*non endurezades o voso corazón,*
*coma cando vos rebelastes*.

[16]Mais quen foron os que se rebelaron, cando oíron? Acaso non foron todos os que, grazas a Moisés, saíron de Exipto? [17]*Quen foron os que anoxaron a Deus durante corenta anos? Acaso non foron os que por pecar caeron mortos no deserto*? [18]E a quen lles xurou que non entrarían no seu acougo, senón aos que se rebelaran? [19]E vemos que non puideron entrar por falta de fe.

**4** [1]Andemos logo, con moito tino, non sexa que, aínda que Deus mantén firme a promesa de entrar no seu acougo, algún de vós corra o risco de chegar tarde. [2]Porque esta promesa anúnciasenos a nós do mesmo xeito ca a eles, pero a eles non lles valeu de nada oír a promesa, que non se xuntaron cos que a oíron con fe.

[3]Pero nós, os que cremos, entramos no acougo do que falan estas palabras:

*Por iso xurei, cheo de carraxe:*
*endexamais non entrarán no meu acougo!*

Abofé, o seu traballo está concluído desde a creación do mundo, [4]pois, nalgún sitio fálase así do sétimo día: *E o sétimo día descansou Deus de todo o seu traballo*. [5]E, con todo, no lugar citado vólvese dicir: *Endexamais non entrarán no meu acougo*. [6]De acordo con isto, se Deus deixa a algúns entrar no

**3**, 1 *Pregoeiro*: lit. "apóstolo", título que se refire a Cristo resucitado, que nos chama á profesión da nosa fe e esperanza cristiás e, como Sumo Sacerdote, presenta a Deus esta profesión "como sacrificio de loanza".
**3**, 2 Deus, resucitando a Xesús, demostra que lle merece fe a El, e propónnolo a nós como merecente de fe. A cita é de Núm **12**, 7.
**3**, 5-6 Estes vv. explican as diferenzas entre Moisés e Cristo cos termos de criado e fillo, e na limitación da confianza que Moisés lle mereceu a Deus, en oposición á absoluta confianza que Deus puxo en Cristo.
**3**, 7 O autor cita polos LXX o Salmo **95**, 7-11, onde o texto grego fai unha tradución interpretativa das referencias históricas á rebelión de Masah e á de Meribah (cf Éx **17** e Núm **20**), de xeito que Masah é a proba e Meribah é a rebelión). Esta tradución prepara a interpretación que fai o autor en **3**, 12 e **4**, 14, entendendo o salmo como un comentario a Núm **13-14**.
**3**, 11 O acougo a que se refire o salmo é a posesión da terra prometida, a vida sedentaria en Palestina, despois dos corenta anos de vida nómade polo deserto; para o autor vai ser o acougo na morada celeste onda Cristo (**4**, 3-11).
**3**, 13 Este hoxe é o momento supratemporal da chamada de Deus á fe e á fidelidade á súa palabra.
**3**, 17 Alusión a Núm **14**, 29. 32.
**3**, 19 Cf Núm **14**, 39-45 e Dt **1**, 41-45.
**4**, 2 *Non se xuntaron*... Tamén pode lerse: "porque os oíntes non a recibiron con fe".
**4**, 4 Con esta cita de Xén **2**, 2, o autor quere deixar en claro que o acougo de que se fala non é terreal, senón o acougo celeste, propio da mesma vida de Deus.

seu acougo e se os que primeiro recibiron a promesa non entraron por falta de fe, [7]é que El, moito tempo despois, volve marcar un día, un hoxe, cando di no texto xa citado de David: *Se hoxe oídes a súa voz, non endurezades o corazón*.

[8]Certo que, se Xosué os fixese entrar no acougo, xa non precisaría Deus falar doutro acougo despois disto. [9]Logo, quédalle aínda unha invitación ao acougo ao pobo de Deus, [10]porque quen entrou no acougo de Deus descansa dos seus traballos, o mesmo que Deus descansou tamén dos seus. [11]Collamos a peito o entrar neste acougo, de xeito que ninguén caia nunha rebeldía coma aquela.

[12]Collámolo a peito, xa que a palabra de Deus é viva e dinámica, máis cortante do que unha espada de dobre fío e que penetra mesmo alí onde se diferencian a alma e o espírito, as xuntas e a medula. Ela xulga os proxectos e os pensamentos. [13]Non hai cousa que se lle esconda, todo está nu e penetrable aos seus ollos: é a ela a quen lle habemos dar contas.

[14]Pois logo, xa que temos un gran Sumo Sacerdote que xa penetrou no ceo, Xesús, o Fillo de Deus, manteñamos a esperanza que profesamos.

### Xesús, Sumo Sacerdote misericordioso

[15]Porque así é: nós non temos un Sumo Sacerdote que non se poida compadecer das nosas debilidades, senón un Sumo Sacerdote probado en todo coma nós, fóra do pecado. [16]Acheguémonos, con liberdade ao trono da graza, para conseguirmos misericordia e atoparmos graza para unha axuda no seu debido tempo.

**5** [1]Todo Sumo Sacerdote se escolle sempre entre os homes e constitúese Sumo Sacerdote para o ben dos homes nas súas relacións con Deus, a fin de que ofreza oblacións e sacrificios polos pecados. [2]É capaz de tratar con indulxencia aos ignorantes e aos descamiñados, porque tamén el está rodeado de fraquezas. [3]Por mor destas fraquezas ten que ofrecer sacrificios polos pecados, tanto polos pecados do pobo coma polos seus propios pecados. [4]Por certo, ninguén pode coller de seu este honor, senón que hai que ser chamado por Deus, como foi chamado Aharón.

[5]Do mesmo xeito, tampouco Cristo non procurou a súa gloria facéndose Sumo Sacerdote, senón que lla procurou o que lle dixo:

*Ti es o meu Fillo,*
*hoxe xereite Eu*.

[6]Entendido conforme o que di noutro sitio:

*Ti es sacerdote para sempre,*
*á maneira de Melquisedec.*

[7]El, nos días da súa vida mortal, a fortes gritos e con bágoas, presentou oracións e súplicas a quen o podía salvar da morte, e Deus escoitouno por mor da súa submisión. [8]Aínda que era Fillo, aprendeu sufrindo o que é obedecer; [9]e, consumada deste xeito a súa consagración sacerdotal, converteuse en causa de salvación eterna, para todos os que o obedecen, [10]ao mesmo tempo que Deus o proclamou Sacerdote á maneira de Melquisedec.

## SUMO SACERDOTE DUN NOVO CULTO

### Preámbulo: exhortación

[11]Disto aínda temos que dicirvos moito e é difícil facérvolo comprender, porque vos volvestes nugalláns para escoitardes. [12]E iso que polo tempo que levades, xa tiñades que ser mestres, pero aínda necesitades que alguén vos ensine os primeiros rudimentos dos oráculos de Deus; volvedes precisar leite e non mantenza sólida. [13]Pois todo aquel que "está a leite", descoñece as razóns da espe-

**4**, 10-14 Nestes vv. clarifícase máis este acougo celeste: se o acougo de Deus fose a vida sedentaria en Palestina (Xos **21**, 44; **22**, 4; **23**, 1) non tería sentido que o salmo, 400 anos despois, falase de non entrar no acougo de Deus; pero o salmo está aí e deixa ben claro que Xosué non conduciu o pobo ao verdadeiro acougo de Deus.

**4**, 15 *Probado en todo*: o autor usa o verbo *peirádsein*, que alude ás probas e tribulacións espirituais (en Xetsemaní) e ás dores físicas; o verbo está en perfecto, o que quere indicar que os froitos destas probas permanecen; estas probas de Cristo, home perfecto, son as que xustifican a compaixón que Xesús Cristo resucitado e glorioso sente por nós.

**5**, 1ss Unha das características especiais desta carta é considerar o sacerdocio na súa relación cos homes e non soamente con Deus, como facía o A. T. e os outros textos do N. T.

**5**, 5-6 Coas citas dos Sal **2**, 7 e **110**, 4, que nun comezo foron salmos rexios pero que para o primitivo cristianismo –e sen dúbida tamén para o xudaísmo de entón– eran salmos mesiánicos, proba o autor a chamada de Deus ao sacerdocio dirixida a Xesús.

**5**, 7-8 Estes vv. describen o sacrificio de Xesús Cristo, que non se concibe como algo ritual ou convencional, senón coma unha ofrenda persoal e espiritual: ofrece en sacrificio a súa oración angustiosa de Xetsemaní, e a súa morte preséntase fóra de ritualismos como un acto de obediencia.

**5**, 13-14 As imaxes do leite e da mantenza sólida para indicar a madureza ou inmadureza da espiritualidade cristiá, tamén se atopan en 1 Cor **3**, 1-3 e son unha metáfora normal da linguaxe filosófica-moral do tempo. Con esta maneira irónica de falar, o autor quere sacudir a nugalla dos destinatarios.

**5**, 13 *As razóns da esperanza*: lit. "as razóns da xustiza".

ranza cristiá, porque é un meniño; [14]en troques, a mantenza sólida é para adultos, que ten o sentido xa afeito polo costume e é capaz de distinguir o bo do malo.

**6** [1]Por iso, deixando as primeiras nocións acerca de Cristo, pasemos xa aos conceptos que son propios dos adultos, sen volvermos botar os alicerces doutrinais: o arrepentimento das obras mortas, a fe en Deus, [2]o ensino acerca dos baños sacros e mais da imposición de mans, a resurrección dos mortos e o xuízo final. [3]Isto xustamente faremos, se Deus o permite.

[4]Porque os que unha vez foron iluminados, os que lle colleron gusto ao don celestial e tiveron parte no Espírito Santo que se lles deu; [5]os que probaron o saborosa que é a palabra de Deus e mais os poderes do mundo que ha vir; [6]estes, se apostatan, é imposible que se renoven co arrepentimento, xa que polo que a eles toca, seguen crucificando o Fillo de Deus e escarnecéndoo publicamente.

[7]Pásalles o mesmo que a unha terra que se enchoupa con chuvias frecuentes e que lles dá boa herba aos que a traballan: recibe parte da bendición que Deus manda; [8]mais, se non bota máis ca espiños e cardos, entón non serve: está a piques de ser maldita e acabará na queima.

[9]Mais, aínda que falamos así, meus amigos, polo que a vós toca, estamos convencidos do mellor e do que leva á salvación; [10]pois Deus non é inxusto como para que lle esqueza o voso traballo e o amor que lle mostrabades cando serviades (e seguides aínda servindo) ao seu pobo santo por mor del. [11]Pero, con todo, nós queremos que cada un de vós demostre o mesmo ardor en levar a súa esperanza ata a fartura final, [12]de xeito que non sexades nugalláns, senón que imitedes aos que, con fe e paciencia, son herdeiros das promesas.

### Promesa e xuramento de Deus

[13]Porque cando Deus fixo a promesa a Abraham, en vistas de que non tiña outro máis grande por quen xurar, [14]xurou por si dicindo: *Abofé, heite bendicir con abundancia e heite aumentar sen taxa*. [15]E deste xeito Abraham, agardando con paciencia, conseguiu a promesa.

[16]Os homes xuran sempre por quen é superior a eles; e o xuramento, por ser unha garantía, marca a fin de calquera litixio. [17]Por iso, xa que Deus lles quería demostrar ben ás claras aos herdeiros da promesa o inmutable que era a súa decisión, comprometeuse con xuramento. [18]Deste xeito, por dous feitos inmutables de Deus, nos que é imposible que minta, temos unha forte consolación os que buscamos agarimo en podermos apreixar os bens prometidos que esperamos. [19]Estes bens son para nós coma unha áncora de salvación, segura e firme, que penetra ata o outro lado do veo: [20]ata onde, para o noso ben, penetrou Xesús, como adiantado, unha vez constituído Sumo Sacerdote para sempre á maneira de Melquisedec.

### Sumo Sacerdote á maneira de Melquisedec

**7** *[1]Este Melquisedec, rei de Salén, sacerdote do Deus Supremo saíu ao encontro de Abraham, cando volvía de derrotar aos reis, e bendiciuno.* [2]*Abraham* repartiu con el *a dé-*

**6**, 1 Os seis conceptos que enumera, pertencían á catequese previa aos sacramentos de iniciación cristiá, aos que se fai alusión no terceiro e no cuarto tema (v. 2).
**6**, 2 *Os baños sacros* aluden sen dúbida aos diferentes ritos deste tipo (o bautismo de Xesús Cristo, do Bautista, dos prosélitos e diferentes baños e purificacións rituais dos xudeus e pagáns), que se expoñían nestas catequeses, para ver a novidade e o auténtico sentido diferencial do bautismo cristián; e o mesmo hai que dicir da imposición de mans.
**6**, 4 O ser iluminados é unha alusión á experiencia bautismal da fe (Ef **1**, 8; **3**, 9; **5**, 13-14) e *o don celeste* hase entender como a experiencia relixiosa na Eucaristía.
**6**, 6 Texto difícil, que salienta a extrema gravidade do pecado nos xa bautizados. A imposibilidade da conversión para os apóstatas pode radicar en que a súa experiencia da apostasía lles impide experimentar e aceptar a situación vital de esperanza que dá a fe na resurrección de Xesús Cristo.
**6**, 10 *Pobo santo* (lit. "santos"): termo frecuente para referirse aos cristiáns (Rm **12**, 13; **15**, 25).
**6**, 14 A cita é de Xén **22**, 17.
**6**, 16-19 Estes vv. son unha interpretación cristiá do texto de Xén **22**, 17, citado no v. 14; vénnos dicir que o cumprimento da promesa feita a Abraham se realiza na esperanza da posesión dos bens escatolóxicos, da que Abraham foi o pioneiro: a bendición de Abraham cunha descendencia incontable realízase non no "Israel segundo a carne", o Israel histórico, senón no pobo da esperanza escatolóxica, a Igrexa.
**6**, 18 Os dous feitos de Deus son a promesa e o xuramento, dos vv. 13 e 14.
**6**, 19 A *áncora* é unha imaxe da esperanza, moi frecuente na literatura grega e na simboloxía cristiá primitiva.
O *veo* é o veo do templo celeste, do que o templo de Xerusalén é fiel copia (**8**, 5; Éx **25**, 40); este veo era o que tapaba o Santo dos Santos (**9**, 3). A esperanza escatolóxica cristiá (áncora) chega ata a mesma presenza de Deus e fundaméntase na entrada de Xesús Cristo na gloria, cando aconteceu a súa entronización.
**7**, 1-10 Apoiándose en Xén **14**, 17-20, o autor explícanos o contido da misteriosa fórmula do Sal **110**, 4, xa dúas veces anunciada (**5**, 9-10 e **6**, 20): Xesús, Sumo Sacerdote á maneira de Melquisedec.
**7**, 2 Os títulos *Rei de xustiza* e *Rei de paz* queren asemellar a Melquisedec co Mesías, que traerá as súas bendicións de paz e xustiza (Is **6**, 5-6; **32**, 1. 17).

*cima parte de todo*. En primeiro lugar, o seu nome quere dicir: "Rei de xustiza"; logo, o título *Rei de Salén* quere dicir "Rei de paz". [3]O feito de se nos presentar sen o nome do pai, nin o da nai, sen xenealoxía, sen a data do comezo dos seus días nin a da fin da súa vida, faino semellante ao Fillo de Deus e dá a entender que permanece sacerdote para sempre.

[4]Ollade que grande tivo que ser este a quen o patriarca Abraham lle deu unha décima parte do mellor do seu saqueo. [5]Mentres aos fillos de Leví, que reciben servizo de sacerdotes, a Lei lles manda que lle cobren unha décima parte ao pobo escollido (isto é, a seus irmáns, aínda que son coma eles fillos de Abraham), [6]Melquisedec, que non ten unha ascendencia sacerdotal, recibe de Abraham a décima parte e bendí a aquel a quen Deus lle fixo as promesas. [7]Sen dúbida, está fóra de toda discusión que todo aquel que bendí é máis ca o que é bendito. [8]No caso dos fillos de Leví, os que reciben a décima parte son homes que morren; pero no caso de Melquisedec recíbea un de quen se testemuña que vive. [9]Por así dicir, o mesmo Leví, que recibe a décima parte, veuna pagar na persoa de Abraham [10]pois xa estaba presente en seu pai, cando *lle foi ao encontro Melquisedec*.

### Os dous sacerdocios

[11]Certo que, se a perfección da salvación viñese polo sacerdocio levítico, xa que en relación con el recibiu o pobo a Lei, que necesidade habería aínda de que xurdise outro sacerdote *na liña* de Melquisedec e de que non se chamase *da liña de Aharón*? [12]Porque, ao cambiar o sacerdocio, hai que cambiar necesariamente a Lei. [13]Mais este de quen fala o salmo é doutra tribo, na que ninguén estivera ao servizo do altar. [14]Porque é máis que coñecido que o noso Señor vén da tribo de Xudá, tribo da que nada dixo Moisés tocante ao sacerdocio.

[15]Pero aínda é máis claro se xorde outro sacerdote á semellanza de Melquisedec, [16]quen non resulta sacerdote por unha Lei que preceptúa acerca da liñaxe, senón por unha forza que vivifica para sempre, [17]pois así o testifica Deus: *Ti es sacerdote para sempre, na liña de Melquisedec*. [18]Por un lado, Deus abroga un precepto pasado, porque xa non ten forza obrigante nin utilidade, [19]isto vese no feito de que a Lei non levou nada á perfección; e, polo outro, introduce unha esperanza máis poderosa, xa que por medio dela podemos achegarnos a Deus.

[20]Ademais, Xesús, polo feito de o constituíren sacerdote cun xuramento (porque aos sacerdotes xudeus constituíronos sen xuramento, [21]mentres que a El constituíuno cun xuramento dicíndolle: *Xurouno o Señor, e non cambiará de pensar: Ti es sacerdote para sempre*), [22]por ese feito resultou ser fiador dunha alianza de moita máis valía.

[23]Aqueles foron moitísimos sacerdotes, porque a morte non os deixaba ser duradeiros; [24]pero este ten un sacerdocio imperecedoiro, xa que dura para sempre. [25]Por iso pode levar á plenitude da salvación para sempre aos que por El se achegan a Deus, xa que en todo momento vive para interceder por eles.

[26]Pois era xustamente deste xeito o sacerdote que nós precisabamos: santo, sen ruindade e sen pecado, separado dos pecadores e

**7**, 3 Traducimos deste xeito para dar a entender que se trata dunha interpretación midráxica do texto do Xén: os cualificativos literarios de Melquisedec fan del unha imaxe semellante á de Xesús, Fillo de Deus, resucitado e sacerdote; e ao mesmo tempo fan que o sacerdocio único (sen ascendencia) de Xesús Cristo se poida considerar á maneira do de Melquisedec. A expresión *sen xenealoxía*, hase entender sen xenealoxía sacerdotal.

**7**, 4-7 Cunha aguda esexese do feito do décimo que lle dá Abraham a Melquisedec, deduce o autor a superioridade do sacerdocio á maneira de Melquisedec sobre o sacerdocio levítico.

**7**, 11-14 O anuncio profético no Sal **110**, 4 dun sacerdocio á maneira de Melquisedec, delata a inutilidade salvífica da Lei, que se deu xunto co sacerdocio levítico.

**7**, 16 A superioridade do sacerdocio de Xesús Cristo veulle pola mesma forza vivificadora que o resucita e o fai adiantado dunha esperanza de unión con Deus; consecuencia desta superioridade é a abrogación da antiga Lei levítica (v. 18).

**7**, 22 Do feito de que Deus proclamou con xuramento a Xesús resucitado sacerdote para sempre (Sal **110**, 4), cousa que non sucede co sacerdote levítico, deduce o autor que Xesús ten que ser fiador que garante unha alianza de maior valía e eficacia que a alianza da que xurdiu a Lei xudía.

**7**, 25 O sacerdocio de Xesús Cristo resucitado e entronizado caracterízase con tres trazos fundamentais: a intercesión, o carácter mediador do noso achegamento a Deus e o seu poder de levar á plenitude e á consumación salvíficas. Pero esta intercesión non é a mesma ca a dos días da súa vida mortal (**5**, 7).

**7**, 26 A separación dos pecadores non se pode entender como física, xa que esta concepción estaría en oposición coa tradición dos evanxeos e coa mesma historia de Xesús; nin tampouco como ritual, xa que tal preocupación é allea ao noso autor. Haina que entender en paralelismo coa que segue: o noso Sumo Sacerdote é o Xesús Cristo glorioso e entronizado e, por isto mesmo, separado dos pecadores e das súas ruíns intencións, aínda que capaz de levalos á perfecta salvación.

levantado a unha gloria máis alta ca o mesmo ceo. [27]Non necesita ofrecer sacrificios cada día, en primeiro lugar polos seus pecados e logo polos do pobo, coma os outros sumos sacerdotes, pois isto fíxoo dunha vez para sempre, ofrecéndose a si mesmo. [28]En síntese, a Lei constitúe sumos sacerdotes a homes débiles, mentres que o xuramento que vén despois da Lei constitúe Sumo Sacerdote ao Fillo que logrou a salvación plena para sempre.

### Sumo Sacerdote perfecto, consumado, consagrado

**8** [1]Isto é o máis importante de todo o que imos dicindo: que temos un Sumo Sacerdote de tal categoría que tomou posesión do seu trono no ceo á dereita do trono da Maxestade, [2]ao mesmo tempo que oficiou como sacerdote no santuario e na tenda verdadeira, que erixiu o Señor, non un home.

[3]Xa que todo Sumo Sacerdote se constitúe para ofrecer dons e sacrificios: por iso cumpría que el tivese algo que poder ofrecer. [4]Pois se a súa ofrenda fose terreal, nin sequera el sería sacerdote, habendo como hai os que lexitimamente ofrendan dons. [5]Aínda que estes dan culto a un asomo, a unha sombra das realidades celestes, conforme ao que se lle revelou a Moisés cando estaba para construír a tenda-santuario: *Olla que has de facer todo, segundo o exemplo que se che mostrou no monte*. [6]Pero, de feito, ao noso Sumo Sacerdote tocoulle unha liturxia tanto máis importante canto máis poderosa é a alianza da que é mediador, xa que esta alianza está legalmente establecida, apoiada en promesas de máis valía.

### Defectos da Antiga Alianza e substitución pola Nova

[7]Pois, se aquela primeira alianza fose sen falla, xa non habería lugar para unha segunda. [8]Porque Deus, reprendéndoos, dilles:

*Vede que virán días –di o Señor–,*
*nos que establecerei coa casa de Israel*
*e coa casa de Xudá unha alianza nova;*
[9]*non coma a alianza*
*que fixen con seus pais,*
*cando os collín pola man,*
*para sacalos de Exipto:*
*porque eles non permaneceron fieis*
*á miña alianza,*
*e tamén eu me desentendín deles,*
*–di o Señor–.*
[10]*Pois esta é a alianza*
*que pactarei coa casa de Israel,*
*cando cheguen aqueles días*
*–di o Señor–: cando dea as miñas leis,*
*héillelas escribir nos seus corazóns*
*e nas súas mentes.*
*Eu serei para eles o seu Deus*
*e eles serán para min o meu pobo.*
[11]*Xa ninguén terá que ensinar*
*ao seu veciño*
*nin cadaquén ao seu irmán,*
*dicíndolle: 'Recoñece ao Señor';*
*porque me han coñecer todos eles,*
*desde o máis pequeno ao máis grande,*
[12]*xa que estarei disposto*
*a perdoarlles as súas maldades,*
*e xa non me lembrarei máis*
*dos seus pecados.*

[13]Ao chamarlle Deus *nova* a esta alianza, deixou anticuada a primeira; abofé, o anticuado e avellado está próximo a desaparecer.

**7**, 27 Alusión ao ritual da festa da Expiación (Lev **16**, 6.15). A expresión "cada día" intenta resaltar a multitude de sacrificios (diarios) e ao mesmo tempo a necesidade de que os sumos sacerdotes ofrecesen sacrificios polos seus pecados, en oposición ao sacrificio de Xesús Cristo, único e irrepetible.
*Ofrecéndose a si mesmo*: é a primeira vez que o autor alude a Xesús como vítima sacrificial, e faino aludindo a Is **53**, 10.
**8**, 5 O culto de ofrendas terreais é un culto figurativo das auténticas realidades divinas, as celestes; por isto, a ofrenda do Sumo Sacerdote, do v. 1, non pode consistir nestas ofrendas terreais. A cita é de Éx **25**, 40.
8, 6 *Ao noso Sumo Sacerdote*: lit. "a el". Unha alianza superior precisa unha liturxia máis perfecta. A superioridade da alianza clarifícaa o autor coa superioridade das promesas ou bendicións que trae consigo a fidelidade a ela. Nótese que o autor non insiste no factor legal da alianza, de tanta importancia para o xudaísmo, senón na superioridade das promesas.
**8**, 8 Coa cita de Xer **31**, 31-34, o autor quere probar a superioridade da Alianza, do v. 6, e faino con dúas connotacións: 1) falar dunha segunda alianza implica que a primeira non serve; 2) reprender o pobo da primeira alianza coas mesmas verbas con que lles promete a segunda, implica que a primeira non serviu.
**8**, 9 Alusión á Alianza do Sinaí (Éx **24**, 3-8).
**8**, 10 *Cando cheguen aqueles días*, o mesmo que "virán días" (v. 8), son fórmulas escatolóxicas: alusivas aos últimos tempos, ao derradeiro período da historia.
*Escribir nos seus corazóns*: alude á intimidade da lei para o home; alteramos a orde textual de corazóns e mentes por mor da claridade (no estilo semítico o segundo termo é máis claro ca o primeiro).
**8**, 11 A relación persoal directa con Deus é unha das características típicas da nova alianza.

### Falta de eficacia do culto antigo

**9** [1]Pois tamén a primeira alianza tiña as súas normas para o culto e para o seu santuario, que soamente era terreal. [2]De feito, construíuse unha tenda-santuario, a primeira, onde estaban o candeeiro, a mesa e mais os pans ofrendados; chámase o Santo. [3]Despois da segunda cortina está a tenda chamada Santísimo, [4]co altar de ouro para o incenso e a Arca da Alianza cuberta de ouro por todos os lados; nela había unha caixa de ouro co maná, a vara reverdecida de Aharón e mais as táboas da alianza. [5]Enriba da Arca, os querubíns da Gloria, que cubrían coa súa sombra o lugar da expiación. Pero non hai agora por que seguir falando destas cousas con detalle.

[6]Estando todo isto construído deste xeito, na primeira tenda entran a miúdo os sacerdotes, para celebraren o culto. [7]Mais na segunda, soamente o Sumo Sacerdote, unha vez cada ano, el só, levando sangue, para ofrecelo por si mesmo e polos pecados de descoido do pobo. [8]Con iso quere mostrar o Espírito Santo que, mentres a primeira tenda estea en pé, aínda non está aberto o camiño para o santuario. [9]Todo isto é un símbolo que se ten que aplicar ao momento actual, pois ofrécense dons e sacrificios, que non son capaces de facer perfecto na súa conciencia a quen practica este culto; [10]soamente teñen poder de purificar en relación con certas comidas, bebidas e diferentes lavatorios: todas elas normas exteriores impostas ata o momento da reforma.

### O sacrificio de Cristo, eficaz e definitivo

[11]Mais ao presentarse Cristo como Sumo Sacerdote dos auténticos bens, entrando a través dunha tenda-santuario maior e máis perfecta, non de feitío humano, isto é, non deste mundo, [12]e ofrendando o seu propio sangue, non o sangue de carneiros ou de becerros, entrou dunha vez para sempre no santuario e, deste xeito, conseguiu unha redención definitiva. [13]Se o sangue de carneiros e de touros e a cinsa dunha xovenca asperxida polos impuros consagra estes, dándolles unha pureza corporal, [14]moito máis o sangue de Cristo (que movido polo Espírito que animou toda a súa vida, se ofreceu a si mesmo a Deus, como vítima sen mancha) limpará a nosa conciencia das obras de morte, para así servimos ao Deus vivo.

### A Nova Alianza

[15]Por iso é mediador dunha Nova Alianza, xa que morreu para redimir dos pecados cometidos baixo a primeira alianza, a fin de que os que están chamados á herdanza eterna, poidan recibir o cumprimento desta promesa. [16]Porque onde hai un testamento é preciso presentar probas da morte do testador; [17]xa que o testamento é firme soamente en caso de morte, porque mentres viva o testador o tes-

**9**, 3 Para o autor é moi importante esta distinción entre a tenda-santuario e a tenda santísima, xa que a primeira é paso, camiño, para a segunda (v. 8).
**9**, 5 Poñemos o nome "gloria" con maiúscula, por ser un dos nomes substitutivos do nome de Iavé, na Biblia e mais no xudaísmo contemporáneo.
**9**, 7 Refírese á entrada do Sumo Sacerdote na ocasión única da festa da Expiación (Lev **16**, 11-16); aquí indica unha única ocasión, máis ben ca unha única vez, xa que entraba dúas veces, segundo o texto de Lev.
*De descoido*: lit. "de ignorancia".
**9**, 8 O autor seguiu en todo a exposición o A. T., e por isto fala aquí da intención que quere mostrar o Espírito Santo, autor principal da Biblia.
*Aberto*: lit. "non está manifestado, amosado, por Deus" (pasivo divino). As leis cúlticas xudías prohibían a entrada no santuario (na tenda santísima), de xeito que a primeira tenda era practicamente o lugar do culto e, deste xeito, o que debía ser corredor da entrada ao santuario era un obstáculo para a entrada nel.
**9**, 10 A reforma refírese á reforma do culto realizada polo sacerdocio celeste de Xesús Cristo.
**9**, 11 *Auténticos bens*: lit. "os bens xa realizados". Traducimos auténticos, porque recolle suficientemente o sentido literal e ao mesmo tempo expresa a oposición ao sentido simbólico do culto levítico do v. 9. Outros especialistas prefiren ler, con moitos manuscritos, "os bens futuros".
**9**, 12 O autor concibe a acción sacrificial de Xesús Cristo segundo o esquema da liturxia do día da Expiación (vv. 7-8).
**9**, 13 *O sangue de carneiros e de touros* é unha alusión á liturxia do día da Expiación, mentres que *a cinsa da xovenca* é unha alusión á auga lustral (a cinsa con auga), que se usaba para a recuperación da pureza ritual dos que tocaran cadáveres ou estiveran nun velorio (Núm **19**).
**9**, 14 *Espírito... vida*: outros traducen "Espírito eterno".
*Nosa conciencia*: outros ms. len "vosa conciencia".
**9**, 15 A Alianza é algo novo, xa que o sacrificio que a constitúe é algo radicalmente distinto dos sacrificios levíticos (v. 14). O Espírito que animou a Xesús Cristo (v. 14) fixo que o seu sacrificio persoal fose revelación do amor de Deus aos homes, e por isto o seu sacrificio expiatorio converteuse ao mesmo tempo en sacrificio de comuñón con Deus, en sacrificio consecratorio de alianza. Xesús, Fillo de Deus (**1**, 5-14) é ao mesmo tempo irmán dos homes (**2**, 5-18); mediante o seu bivalente sacrificio converteuse en singular mediador desta Nova Alianza: a través del, Deus e home, a humanidade chega a Deus.
**9**, 16 No grego bíblico o mesmo termo *diazéke* serve para designar dous conceptos distintos para nós: alianza e testamento. Téñase en conta para entender o razoamento do texto.
**9**, 17 A Nova Alianza, que mira á herdanza escatolóxica de Xesús Cristo, é o seu testamento; por iso a súa morte é esencial para a firmeza e indispensable para a validez do seu testamento.

tamento non é firme. [18]Por iso nin sequera a primeira alianza se ten renovado sen sangue, [19]pois Moisés, logo que lle leu a todo o pobo os preceptos que se conteñen na Lei, colleu o sangue dos becerros xunto con auga, con la rubia e mais con hisopo e asperxeu no libro e na xente toda, [20]dicindo: *Este é o sangue da alianza que Deus pactou convosco*. [21]Tamén asperxeu con sangue, de forma semellante, na tenda-santuario e mais en todos os utensilios do culto. [22]Conforme á Lei case todo se purifica con sangue, e sen verter sangue non hai perdón.

[23]Porque se foi preciso que os anticipos das realidades celestiais se purificasen con estes ritos, as realidades celestiais mesmas hanse purificar con sacrificios ben máis poderosos ca estes.

### A entrada no ceo

[24]Pois o Mesías non entrou nun santuario de feitío humano, copia do verdadeiro, senón que entrou no ceo, para poder presentarse agora diante do mesmo Deus a favor noso; [25]e non para repetir moitas veces o seu propio sacrificio, como fai o Sumo Sacerdote, que entra cada ano no santuario levando sangue alleo, [26]porque, se así for, debería ter sufrido moitas veces desde a creación do mundo; pero a verdade é que agora, dunha vez para sempre, no derradeiro dos períodos da historia, co sacrificio de si mesmo, quedou a disposición de todos para acabar co pecado.

[27]O mesmo que o destino de todo home é morrer só unha vez e, despois xa da morte, vén o xuízo, [28]así tamén Cristo, unha vez que se ofrendou para quitar os pecados, volverá a aparecerlles por segunda vez, xa sen ter que ver co pecado, para salvar aos que o están agardando con ansia.

### O Sacerdocio de Cristo, causa de Salvación eterna. Insuficiencia da Lei

**10** [1]Porque xa que a Lei contén soamente unha sombra dos bens futuros e non a imaxe mesma destas realidades, cos sacrificios que se ofrecen –sempre os mesmos cada ano–, endexamais non poderá a Lei volver perfectos aos que se acollen a ela. [2]Porque acaso estes sacrificios non se deixarían de ofrecer, se os que os practican, purificados de vez, non tivesen xa ningunha conciencia dos seus pecados? [3]Polo contrario, nestes sacrificios conmemóranse os pecados un ano tras outro.

### Substitución dos sacrificios exteriores polo sacrificio de Cristo

[4]A verdade é que resulta imposible que o sangue de touros e de cabras quite os pecados. [5]Por iso, cando Cristo entra no mundo, di:

*Sacrificios e ofrendas non os quixeches,*
*pero formáchesme un corpo;*
[6]*holocausto e sacrificio de expiación*
*non che gustaron;*
[7]*entón dixen:*
*olla que xa cheguei, meu Deus,*
*para facer a túa vontade,*
*como se di de min nun capítulo do libro.*

[8]Di no comezo: *Sacrificios, ofrendas, holocaustos e sacrificios de expiación, nin os quixeches nin che gustaron* (todos eles son sacrificios que a Lei manda ofrecer); [9]e di despois: *Olla que xa cheguei para facer a túa vontade*. Deixa sen validez o primeiro para

**9**, 18-22 O autor fai unha curiosa interpretación dos ritos levíticos de renovación da alianza: descobre no uso que estes ritos fan do sangue unha confirmación da súa idea de que a morte e o sangue son necesarios para a firmeza da alianza e do testamento. O sangue e a morte de animais naqueles ritos son un sinal claro e profético do sangue de Cristo, que constituirá e sacralizará a Nova Alianza e que lle dará validez e firmeza ao estipulado nela.

**9**, 19 Cf Éx **24**, 6-8; Lev **14**, 4-7; Núm **19**, 6.

**9**, 24 *Presentarse... diante do mesmo Deus*: lit. "presentarse na face de Deus": é un hebraísmo que significa "subir ao templo para facer unha ofrenda" (Éx **23**, 17; **34**, 20. 23. 24). O autor de Heb quere expresar con esta fórmula o carácter sacrificial da ofrenda persoal de Xesús Cristo e da súa submisa obediencia a Deus.

**9**, 26 *Quedou á disposición*: lit. "quedou manifestado" = "Deus púxoo a disposición de" (pasivo divino). A súa manifestación non é algo estático, senón fortemente dinámico: iso é o que queremos expresar.

**9**, 28a Cita implícita de Is **53**, 12, cuarto canto do Servo de Iavé.

**10**, 3 Advírtase a forte crítica que o autor fai do rito da expiación (Lev **16**), ao consideralo como unha conmemoración, unha celebración do carácter pecador do pobo; para o autor a eficacia do sacrificio consiste na renovación interior ("volver perfectos", v. 1), que impida a recaída no pecado.

**10**, 4 Os profetas xa critican os sacrificios de inútiles e ineficaces (Is **1**, 1-13; Xer **6**, 20; **7**, 22; Os **6**, 6; Am **5**, 21-25); pero a súa crítica fúndase na falta de sinceridade con Deus: o pobo non vive o que o sacrificio quere indicar. A crítica de Heb é moito máis radical: só é eficaz o sacrificio persoal de Cristo e mais o sacrificio persoal de obediencia a Deus do cristián unido ao sacrificio de Cristo (vv. 5-7).

**10**, 5ss A cita é do Sal **40**, 7-9a, segundo a versión dos LXX (Sal **39**, 6-8). O termo corpo é propio dos LXX (no texto hebreo dise oídos): este cambio foi un dos que levou ao autor a considerar o Sal **40** como un salmo mesiánico, e por isto mesmo considérase alusivo ao Fillo de Deus que se vai encarnar (v. 5a).

**10**, 9 O autor pon en oposición á Lei, que preceptúa os sacrificios do A. T., o cumprimento da vontade de Deus, realizado no sacrificio de Cristo (cf **5**, 7-8); isto faino un tanto ilexitimamente, dado que no v. 9b (LXX) temos "e a lei no medio do meu ventre (sentimentos)" en paralelis-

darlle soamente validez ao segundo. [10]Foi por esta vontade de Deus como quedamos nós santificados coa ofrenda única e para sempre do corpo de Xesús Cristo.

### Substitución dos sacerdotes da Antiga Alianza polo sacerdote entronizado

[11]Todo sacerdote ten que estar de pé a cotío para celebrar o culto e ofrecer un tras outro os mesmos sacrificios, aínda que estes sacrificios de ningún xeito poidan quitar os pecados. [12]Este, en troques, logo que ofreceu un único sacrificio polos pecados, *sentou* para sempre *á dereita de Deus*; [13]e, deste xeito, non lle queda máis que agardar a que *Deus faga dos seus inimigos un estrado para os seus pés*. [14]Cunha única ofrenda deixou para sempre perfectos aos que el santifica.

### A Nova Alianza non precisa novos sacrificios

[15]Isto mesmo nos testifica o Espírito Santo, xa despois de ter dito: [16]*Esta é a Alianza que pactarei con eles cando cheguen aqueles días –di o Señor–: cando dea as miñas leis, héillelas de escribir nos seus corazóns e nas súas mentes*. [17]E engade: *Xa non me lembrarei máis dos seus pecados e dos seus delitos*. [18]De certo, se hai perdón dos pecados, xa non pode haber sacrificios polos pecados.

## EXHORTACIÓN

### Exhortación á fe, esperanza e caridade

[19]Pois logo, irmáns, xa que temos entrada libre no santuario, debido ao sangue de Xesús, [20]un vieiro novo e vivente que el nos abriu a través da cortina, isto é, a través da súa carne, [21]e, xa que temos un gran sacerdote á fronte da casa de Deus, [22]manteñámonos con criterios sans na súa presenza con plenitude de fe. Xa que estamos limpos por dentro de toda consciencia de pecado e xa que estamos lavados por fóra con auga limpa, [23]manteñamos a esperanza indefectible que profesamos, pois quen prometeu é fiel. [24]E considerémonos uns aos outros de xeito que nos sirvamos de estímulo para o amor e para as boas obras. [25]E non faltedes endexamais á nosa reunión, como fan algúns, senón que nos animemos uns aos outros e tanto máis canto que ollades que está a chegar aquel día.

### O medo ao Deus vingador

[26]Porque, se permanecemos no pecado, porque nos dá a gana, despois de termos recibido o pleno coñecemento da verdade, xa non nos queda outro sacrificio polos pecados: [27]soamente a horrible perspectiva do xuízo e a fogaxe de lume que está para devorar os inimigos. [28]A quen non fai caso dalgún precepto da Lei de Moisés, mátano sen compaixón, *baseándose en dúas ou tres testemuñas*. [29]Canto peor castigo coidades que merecerá un que tripou no Fillo de Deus, que considerou cousa profana o sangue da alianza, co que fora consagrado, e que aldraxou ao Espírito da graza! [30]Porque ben sabemos quen foi o que dixo: *A vinganza tócame a min: Eu héillelas devolver*; e tamén: *O Señor xulgará ao seu pobo*. [31]Terrible ten que ser caer nas mans do Deus vivo.

mo con "facer a túa vontade". Ao estilo da esexese rabínica, o autor corta a cita onde mellor lle vén.

**10**, 11s O autor contrasta a repetición diaria da actitude sacrificial ("estar de pé") do sacerdocio levítico co "sentou" de Xesús Cristo despois da ofrenda do seu sacrificio; este *sentar* non ten aquí o sentido de inactividade, senón que alude á súa entronización (cita do Sal real-mesiánico **110**, 1; cf Mt **22**, 44; Mc **16**, 19; Feit **2**, 34; Ef **1**, 20; Heb **1**, 3; **8**, 1; **12**, 2), que segundo Heb é a continuación intercesora do seu sacrificio (**7**, 25).

**10**, 13 A cita é do mesmo Sal **110**, 1.

**10**, 18 Desta afirmación deduciu Calvino a imposibilidade da misa como sacrificio; agora ben, a misa non é un novo sacrificio da cruz senón un sacramento (signo eficaz) do mesmo e único sacrificio de Cristo na cruz; a eficacia universal do sacrificio da cruz actualízase na comunidade concreta de fieis nos diferentes lugares e tempos. As alusións ao "sangue de Xesús" (v. 19) e "á súa carne" (v. 20) dificilmente se poden entender sen pensar na Eucaristía; e o seu carácter sacramental clarificase na alusión ao bautismo do v. 22.

**10**, 22 *Con criterios sans*: lit. "con corazón verdadeiro". Agora ben, o corazón é a sede dos pensamentos, intencións e afectos e por isto traducimos "criterios"; "verdadeiro" está en relación coa fe e a recta doutrina: por isto traducimos *sans*.

*Auga limpa*: o paralelismo das dúas frases é evidente, e no seu conxunto son unha alusión clara ao bautismo e aos seus efectos.

**10**, 25 A *reunión* da que aquí fala é a asemblea da eucaristía: a misa do domingo.

*Aquel día* é o día da Parusía, da vinda definitiva do Señor (cf **3**, 6. 11. 13; **8**, 28).

**10**, 27 Trátase do xuízo de Deus, expresado na frase seguinte coa imaxe apocalíptica do lume que devora aos inimigos de Deus.

**10**, 28 A cita é de Dt **17**, 6; **19**, 15.

**10**, 29 As tres frases sopesan a gravidade teolóxica do pecado no cristián; resaltan esta gravidade con tres antíteses: tripar / Fillo de Deus; profano / sangue da alianza; aldraxe / Espírito. Nótese o carácter único da fórmula "Espírito da graza", onde ao Espírito Santo, presentado cun marcado carácter persoal, se lle atribúe a graza, o favor gratuíto da salvación.

**10**, 30 As citas son de Dt **32**, 35; Rm **12**, 19 e de Dt **32**, 36; Sal **135**, 14.

### Os azos das lembranzas e a esperanza do futuro

32Lembrádevos dos primeiros días, nos
que acabados de iluminar soportastes tanta
competición dolorosa: 33unhas veces por ver-
vos expostos a aldraxes e escarnios públicos;
outras por sentirvos compañeiros dos que se
atopaban nesas situacións. 34A verdade é que
vos compadeciades dos presos e aceptabades
con alegría as confiscacións dos vosos bens,
xa que tiñades ben aprendido que tedes un
patrimonio ben mellor e duradeiro. 35Non
deixedes a un lado a vosa esperanzada con-
fianza, que contén unha gran recompensa.
36Xa que, de feito, cómprevos paciencia para
vos conformar coa vontade de Deus e deste
xeito conseguir a promesa: 37*porque aínda un
pouco, ben pouquiño, e o que está para vir
chegará e non se retrasará;* 38*quen me é fiel
vivirá por mor da súa fidelidade; pero, se al-
gún se escuda da miña fidelidade, deixará de
agradarme*. 39Pero nós non somos dos que se
escudan para acabar na perdición, senón dos
que son fieis e se salvan.

## PRIMEIRA SECCIÓN: A FE DOS DEVANCEIROS

### Definición e primeiros exemplos

**11** 1A fe é un anticipo do que se espera, é
unha proba convincente das cousas
que non se ven. 2Pois por mor dela Deus tes-
temuñou a favor dos nosos devanceiros.

3Pola fe sabemos que a palabra de Deus
creou o mundo, e así o que se ve é resultado
do que non se ve.

4Movido pola fe, Abel ofreceu a Deus un
sacrificio mellor ca o de Caín, e por mor dela
deuse fe da súa rectitude; foi Deus quen deu
fe dela por mor dos seus dons; e por mor da
fe, aínda que xa morto, aínda segue falando.

5Pola súa fe, a Henoc levárono desta vida,
para non ter que sufrir a morte: *Xa non se ato-
paba, porque o levara Deus*. Xa antes de fa-
lar do seu traslado déixase testemuño de que
*Deus estaba moi contento con el*. 6Pero sen
fe é imposible que un lle agrade a Deus, pois
quen quere achegarse a Deus precisa crer que
El existe e que recompensa aos que o buscan.

7Movido pola fe, Noé, en recibindo de
Deus ordes sobre cousas que aínda non se
ollaban, respectuoso con Deus, construíu
unha arca para salvar a súa familia; co seu
exemplo de fe condenou a conduta do mundo
e fíxose herdeiro da xustiza que dá a fe.

### A fe de Abraham

8Deus chamou por Abraham, e este, movido
pola fe, obedeceuno, saíndo para un lugar que
había de recibir en posesión, aínda que saíu sen
saber onde ía. 9Movido pola fe, emigrou á terra
prometida, como se fose terra allea, habitando
en tendas de campaña con Isaac e Xacob, her-
deiros da mesma promesa. 10A verdade é que
agardaba aquela cidade con bos cimentos, da
que o arquitecto e construtor é Deus.

11Pola fe e por considerar merecente de fe
ao que lle prometera descendencia, el, aínda
que estaba fóra da idade axeitada, e aínda que
a mesma Sara era estéril, recibiu poder para
fundar descendencia. 12Deste xeito dun só e
xa caduco para estas cousas, naceu un mundo
de fillos, *coma as estrelas do ceo e coma a
area incontable da beira do mar*.

13Coa fe morreron todos estes, sen chegaren
a conseguir as promesas pero albiscáronas e

**10**, 32 A iluminación dos destinatarios tivo lugar no seu bautismo (cf **6**, 4; Ef **1**, 8; **3**, 9; 2 Tim **1**, 10; 1 Xn **1**, 9).
**10**, 35 Traducimos "parresía" por *esperanzada confianza* e non por liberdade coma no v. 19, porque neste contexto de exhortación á fidelidade e de recompensa quere expresar a actitude psicolóxico-relixiosa do cristián que espera confiado.
**10**, 38 Traducimos *pístis* (fe) por *fidelidade* á vontade de Deus, que nas circunstancias ás que se refire é unha vontade de dor e sufrimento. A cita é de Hab **2**, 3-4, pola versión dos LXX (cf Rm **1**, 17; Gál **3**, 11).
**10**, 39 *Dos que son fieis*: lit. "dos da fe". Este termo, desde o punto de vista literario, é unha palabra-gancho, para introducir o tema da sección que segue.
**11**, 1 O autor abre esta sección cunha noción moi particular da fe ou da fe-esperanza. Un dos puntos de discusión máis vellos acerca do tema é o termo *hypóstasis*, que traducimos con moitos antigos e modernos por anticipo, garantía, título de posesión, fundamento, onde sentimos viva a noción hebrea de fe. Outros danlle o sentido de firme confianza e outros o sentido de substancia: o que dá existencia ás cousas que se esperan. Nótese o paralelismo das dúas primeiras frases e o carácter antitético dos termos de cada unha delas. A segunda frase recolle máis ben a noción grega de fe, mentres que a primeira amosa a noción hebrea.
**11**, 2 Este v. introduce a análise que o autor fai da fe dos devanceiros da Biblia (vv. 4-39), ao xeito da tradición xudía (cf Xdt **8**, 25-27; 1 Mac **2**, 51-64; Eclo **44-50**).
**11**, 5 As citas deste v. son de Xén **5**, 24, que se repite en Eclo **44**, 16; **49**, 14.
**11**, 7 Cf Xén **7**, 13-22.
**11**, 8 Alude á vocación de Abraham (Xén **12**, 1-5).
**11**, 9 Alusións a Xén **23**, 4; **26**, 3; **35**, 12. 27.
**11**, 11 Algúns tradutores e comentaristas refiren todo o v. a Sara. O texto fai alusión a Xén **15**, 2-6.
**11**, 13 Todos estes son os patriarcas descendentes de Abraham, aos que se lles fixo a promesa da posesión da terra; entre eles hai que incluír a Moisés, a quen se alude na expresión "albiscáronas e saudáronas desde lonxe" (Dt 34, 1ss).

saudáronas desde lonxe e confesaron que eles só eran estranxeiros e peregrinos nesta terra. [14]Ao diciren estas cousas, daban a entender que degoiraban unha patria. [15]Pois se lles acordaba aquela patria de onde saíran, estaban a tempo de volvérense. [16]Pero máis ben suspiraban por outra patria mellor: a celestial. Por iso Deus non se avergonza de que o chamen o seu Deus, xa que lles preparou unha cidade.

[17]Pola fe Abraham, posto a proba, ofrendou a Isaac, o que recibira de Deus as promesas, [18]cando se lle dixo: *por Isaac terás descendencia*: ofrendou o seu único fillo, [19]pensando que Deus é poderoso, incluso para resucitar de entre os mortos. Por esa fe súa tamén o recobrou coma un misterioso símbolo.

[20]Pola fe, e tamén en orde ao futuro, Isaac bendiciu a Xacob e a Esaú. [21]Pola fe Xacob, estando para morrer, bendiciu a cada un dos fillos de Xosé e *prostrouse para adorar, arrimado ao puño do seu bastón*. [22]Pola fe, Xosé, estando para morrer, lembrouse do éxodo dos fillos de Israel e deu normas sobre os seus restos mortais.

### A fe de Moisés

[23]Pola fe os pais de Moisés escondérono acabado de nacer durante tres meses, vendo que o neno era fermoso, e non lle tiveron medo ao decreto do rei. [24]Pola fe Moisés, xa grande, renegou da filla do faraón que o porfillara [25]e preferiu padecer malos tratos onda o pobo de Deus a poder gozar do pracer pasaxeiro do pecado; [26]deste xeito considerou meirande riqueza as aldraxes de Cristo ca os tesouros de Exipto, xa que el ollaba a recompensa. [27]Pola fe abandonou Exipto sen lle ter medo á cólera do rei, xa que se mantivo firme na súa decisión, coma home que vira o Invisible. [28]Pola fe deixou instituída a Pascua e a aspersión co sangue, para que o Exterminador non lles tocase aos seus primoxénitos. [29]Pola fe atravesou o mar Vermello coma quen pasa por terra enxoita; tentou os exipcios e o mar enguliunos. [30]Pola fe viñéronse abaixo as murallas de Iericó, despois de lles daren voltas arredor por sete días. [31]Pola fe Rahab, a prostituta, que acolleu amigablemente aos espías, non morreu xunto cos rebelados.

### Vista de conxunto

[32]E que máis queredes que diga? Non me chegaría o tempo, se me puxese a falar de Guideón, de Barac, de Sansón, de Iefté, de David, de Samuel e dos profetas. [33]Eles coa fe gañaron reinos, fixeron xustiza, conseguiron promesas, pecháronlles a boca a leóns, [34]apagaron a furia do lume, escaparon ao fío da espada, repuxéronse de doenzas, foron valentes na guerra e fixeron recuar as filas dos exércitos estranxeiros; [35]houbo mulleres que recobraron resucitados aos seus defuntos; outros, polo contrario, morreron a golpes, sen quereren aceptar o rescate, para conseguiren deste xeito unha resurrección de máis valer. [36]Outros tiveron que sufrir aldraxantes azoutas e cadeas e cárcere. [37]Morreron acantazados, serrados, a golpes de espada, tiveron que camiñar errantes, cubertos con peles de ovella e de cabra, pasando mil necesidades, tribulacións e malos tratos. [38]O mundo non era merecente deles: por iso andaban a rumbo, perdidos por fóra dos lugares, polos montes, polas covas e tobos da terra.

[39]Mais todos estes, aínda que pola fe Deus testificou a favor deles, non conseguiron alcanzar a promesa, [40]xa que foi mesmamente en vistas a nós como Deus preparou algo mellor; de xeito que eles non puidesen conseguir a perfección sen nós.

**11**, 16 A expresión *o seu Deus* = "Deus deles", alude á fórmula "Eu son o Deus do teu pai, o Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob" (Éx **3**, 6. 15; **4**, 5).
**11**, 18-19 A fe que Abraham demostrou no sacrificio de Isaac (Xén **22**, 1-10) é, na interpretación do autor –como en Rm **4**, 17–, fe na resurrección; de xeito que a vida de Isaac despois do sacrificio vén ser un misterioso símbolo da resurrección de Xesús Cristo. A cita é de Xén **21**, 12.
**11**, 20 Alude a Xén **27**, 27-29. 39-40. Estas bendicións permiten aos benditos herdar as promesas feitas aos pais.
**11**, 21 Cf Xén **47**, 31.
**11**, 22 Cf Xén **50**, 24-25; Éx **13**, 19.
**11**, 23 Cf Éx **1**, 22 e **2**, 2 . A fe neste contexto equivale á esperanza.
**11**, 24 Cf Éx **2**, 10-12. A fe leva a Moisés a xuntarse co seu pobo, o pobo de Deus.
**11**, 26 Para o N. T. as aldraxes do cristián son aldraxes a Cristo (**13**, 13; Feit **5**, 41; Rm **15**, 3; 2 Cor **1**, 5; Col **1**, 24; 1 Pe **4**, 13). Deste xeito o autor interpreta a pasaxe de Éx **2**, 10-12 nun sentido cristián.
**11**, 27 Cf Éx **2**, 15; **12**, 51.
**11**, 28 Cf Éx **12**, 21-30. De feito, o que Moisés instituíu foi a festa da liberación, na que a fe é o factor esencial.
**11**, 29 Cf Éx **14**, 21-31.
**11**, 30 Cf Xos **6**, 12-21.
**11**, 31 Cf Xos **2**, 11-12; **6**, 21-25. O autor chámalles rebelados aos cananeos que se opoñen á ocupación da súa terra polo pobo de Deus, xa que aqueles se volven contra o plan de Deus de cumprir as súas promesas sobre a terra prometida.
**11**, 33 Cf Xuí **11**, 6-7; 1 Sam **11**, 34-36; Dn **6**, 1-27.
**11**, 34 Cf Dn **3**, 23-25.
**11**, 35 Cf 1 Re **17**, 17-24; 2 Re **4**, 25-37; 2 Mac **6**, 18-**7**, 42.
**11**, 36 Cf 1 Re **22**, 26-27; 2 Cro **18**, 25-26; Xer **20**, 2; **37**, 15; **38**, 6.
**11**, 37 Cf 2 Cro **24**, 21. *Serrados*: pode referirse á morte de Isaías conforme á lenda xudía, que nos conta a Ascensión de Isaías, c. **5**.

## SEGUNDA SECCIÓN: A CONSTANCIA NECESARIA

### Chamada á constancia

**12** [1]Polo tanto, xa que nos vemos cercados arredor por unha tal nube de testemuñas, deixando enteiramente a un lado todo o que nos estorba e o pecado que tan facilmente se nos apega, corramos con aguante a carreira que temos por diante, [2]co ollo posto en Xesús, o primeiro guía que leva á perfección a nosa fe.

Porque el, sen lles dar importancia ás aldraxes, soportou a cruz por mor da ledicia que o agardaba, e desde entón está sentado á dereita do trono de Deus. [3]Meditade, polo tanto, naquel que veu soportando tal oposición contra si mesmo de parte dos pecadores para non esmorecerdes nin cansardes.

### Motivos de ánimo

[4]Aínda non resististes ata o sangue na vosa loita contra o pecado [5]e xa vos esqueceu aquela recomendación de Deus, que vos fala como se lles fala aos fillos:

*Meu fillo, non despreces o castigo do Señor*
*nin esmorezas cando El che rife;*
[6]*porque o Señor,*
*a quen lle quere ben, castígao,*
*e azouta a todo aquel que recoñece por fillo*.

[7]Aguantade o sufrimento coma un castigo educativo: é Deus que vos trata coma fillos. Porque, quen é o fillo a quen seu pai non o castiga? [8]Se quedades sen castigo, do que todos temos a nosa parte, será que sodes bastardos, non fillos. [9]Aínda máis, nosos pais terreais eran os que nos castigaban e con todo respectabámolos. E logo non nos habemos de someter con moita máis razón ao Pai do espírito, para podermos vivir? [10]Aqueles castigaban uns poucos días, conforme o que eles entendían: pero Deus castiga como cómpre, para que participemos da súa santidade. [11]Ningún castigo resulta agradable de momento, senón triste; pero co tempo, aos que están exercitados nel págalles co froito pacífico da xustiza.

[12]Por iso, entesade as vosas mans sen forzas e os vosos xeonllos trementes [13]e poñede os vosos pés en vieiros dereitos para que a perna coxa non escorde, senón que máis ben cure.

## POLO VIEIRO DEREITO AOS FROITOS DA XUSTIZA

### Cómpre estar atentos, pois vivimos na etapa final

[14]Procurade de todos os xeitos a paz entre todos vós e mais a vosa santificación, xa que sen ela ninguén poderá ver ao Señor. [15]Tede moito coidado de que ningún quede sen o favor de Deus, de que ningunha raíz velenosa agromada dane e contaxie a comunidade. [16]Que ninguén, polos seus pareceres, venda o máis sagrado, coma Esaú, que por un simple xantar vendeu os seus dereitos de primoxénito; [17]vós sabedes que despois, por máis que quixo herdar a bendición, non se considerou que fose merecente dela e non a houbo para el, aínda que a pediu con bágoas e todo.

[18]Non estades diante dun monte que se poida apalpar nin dun lume ardente nin dunha nube negra e borrascosa nin dunha tormenta [19]nin diante do bucinazo dunha trompeta nin do boureo dunhas palabras coma as que escoitaron aqueles que, ao sentilas, pediron que non lles falase máis; [20]porque non podían co

**12**, 2 *O primeiro guía*..: " o primeiro guía e perfeccionador da fe". Coa súa morte e resurrección (v. 2 b) inaugura o vieiro da fe-esperanza nas promesas de Deus e lévanos a nós tras el.
**12**, 6 A cita é de Pr **3**, 11-12. O autor quérelles indicar que a proba ou castigo demostra que son fillos de Deus.
**12**, 9 *Pai do espírito*, en oposición aos "pais da carne". O sentido da expresión é que Deus é o Pai que vivifica o noso espírito, que nos comunica a vida espiritual (cf Núm **16**, 22; **27**, 16).
**12**, 12 Este v., coa cita de Eclo **25**, 23; Is **35**, 3, quere ser unha chamada a pórse en forma (a imaxe do atleta vén aparecendo desde o comezo do c. **12**).
**12**, 13 Coa cita de Pr **4**, 26, segundo a versión dos LXX, quere exhortar a seguir o camiño dereito mostrado por Deus no seu plano da historia de salvación e que conduce ao cumprimento das promesas.
**12**, 14 A expresión *ver ao Señor* pasou de ser un termo técnico para o culto (Éx **23**, 17; **24**, 9-11) a ser a fórmula condensada das promesas escatolóxicas (Mt **5**, 8; 1 Xn **4**, 12).
**12**, 15 A expresión *a raíz velenosa* está tomada de Dt **29**, 17; sen dúbida, refírese aos perigos de contaminación idolátrica e de apostasía.
**12**, 16 Lit. "que ningún fornicador ou persoa profana", alusión clara á apostasía idolátrica, da que era símbolo Esaú na literatura xudía do tempo (cf Xén **25**, 29-34).
**12**, 17 Cf Xén **27**, 34-36. O carácter irrevogable das consecuencias do pecado de Esaú tómase como unha chamada de atención á comunidade, para que se manteñan fieis ante o perigo de acabar tratados igual ca Esaú.
**12**, 18-24 O autor pon en contraste a situación do pobo ao rematar a primeira alianza, situación terreal e terrorífica (cf Éx **19**, 12-14. 16-19; **20**, 18-21), coa situación celeste e festiva do pobo da Nova Alianza.
**12**, 20 A cita é de Éx **19**, 12-13.

que se lles estaba mandando: *Quen toque o monte, aínda que sexa un animal, morrerá acantazado*. [21]Tan sublime era a aparición que o mesmo Moisés dixo: *Estou abraiado e tremendo*. [22]Vós, en cambio, estades diante do monte Sión, da cidade do Deus vivo, da Xerusalén celeste; diante de milleiros de anxos, da asemblea [23]en festa, dos primoxénitos censados no ceo, e diante de Deus, xuíz de todos, e das ánimas dos xustos que xa chegaron á súa perfección, [24]e diante de Xesús, mediador da Nova Alianza, e diante do sangue da aspersión, que clama máis forte ca o de Abel.

[25]Tede coidado de non rexeitar a quen vos está falando, que se aqueles non deron fuxido do castigo por rexeitaren a quen os instruía aquí na terra, moito menos poderemos nós fuxir do castigo, se lle volvemos as costas a quen nos instrúe desde o ceo! [26]A súa voz entón fixo tremer a terra, pero agora quen pode falar prometeu: *a derradeira vez farei tremer non só a terra, senón tamén o ceo*. [27]A expresión "a derradeira vez" quere dicir *a abolición do que, por ser cousa creada, é provisional* de xeito que quede o que é definitivo. [28]Por iso, xa que recibimos un reino definitivo, esteámoslle agradecidos a Deus, servíndoo como lle agrada a El con reverencia e respecto, [29]xa que o noso *Deus é lume devorador*.

### Actitudes cristiás

**13** [1]Que o amor e trato de bos irmáns se conserve entre vós. [2]Que non vos esqueza darlles pousada aos forasteiros, xa que, grazas a isto, algúns, sen se decataren, déronlles pousada aos mesmos anxos. [3]Mirade polos que están presos, coma se vós mesmos estivésedes presos con eles; e mirade polos que padecen malos tratos, coma se vós mesmos vivísedes no corpo deles. [4]O matrimonio é merecente de todos os respectos, e o leito matrimonial ten que ser inmaculado, xa que Deus ha condenar os desvergonzados e adúlteros. [5]Que o voso comportamento sexa desinteresado: contentádevos co que tedes, que El ten dito: *Non te deixarei nin te desampararei*, [6]de xeito que, cheos de confianza, podemos dicir:

*Teño no Señor o meu abeiro:*
*por iso non teño medo:*
*total, que me vai poder facer un home?*

### Verdadeira vida cristiá

[7]Mirade polos vosos dirixentes, que vos anunciaron a Palabra de Deus: imitade a súa fe; que non vos esqueza de que xeito morreron. [8]Xesús Cristo é o mesmo onte e hoxe e será o mesmo sempre. [9]Por iso, non vos deixedes levar de complicadas e alleas doutrinas, que sempre é preferible que se fortalezan as vosas convicción coa graza e non con normas sobre comidas, das que non sacaron proveito ningún os que as cumpriron. [10]Nós temos un altar do que non teñen dereito a comer os que dan culto no templo. [11]Porque o mesmo que se queiman fóra do campamento os cadáveres dos animais dos que os sacerdotes levan o sangue dentro do Santuario para faceren a expiación polos pecados, [12]do mesmo xeito tamén Xesús morreu fóra das portas para consagrar o pobo co seu sangue. [13]Saiamos, logo, para fóra do campamento para nos atoparmos con el, levando nós a súa aldraxe. [14]Como non temos aquí cidade

**12**, 21 A cita é doutra situación distinta (Dt **9**, 19), pero preséntase aquí como un comentario do mesmo Moisés do carácter terrorífico das teofanías do Sinaí.
**12**, 23 Cf Lc **10**, 20; Flp **4**, 3; Ap **3**, 5; **13**, 8; **20**, 15; **21**, 27; **22**, 19.
**12**, 25 O autor recomenda a súa exhortación presentándoa como revelación de Deus desde o ceo, de maior valía ca a instrución do Sinaí sobre a terra.
**12**, 26 A cita é de Ax **2**, 6 e o autor enténdea referida ao xuízo final.
**12**, 29 A cita é de Dt **4**, 24; **9**, 3; Is **33**, 14: a imaxe do lume para indicar o xuízo de Deus é habitual na Biblia.
**13**, 1 Cf Rm **12**, 10; 1 Tes **4**, 9; 1 Pe **1**, 22; 2 Pe **1**, 7; 1 Xn **3**, 10-18. Este amor de irmáns maniféstase na hospitalidade (v. 2), que, amais de ser unha necesidade no mundo antigo, era especialmente precisa para os cristiáns viaxeiros, por mor das comidas de carnes sacrificadas aos ídolos e doutros problemas de tipo idolátrico.
**13**, 2 Alusión a Xén **18**, 2; **19**, 2 ou a Tob **5-7**: recibir un hóspede ilustre era un honor.
**13**, 3 Sen dúbida que é unha alusión ao tema do corpo místico de Cristo, segundo se expón en Rm **12**, 4-5; 1 Cor **12**, 12-27; 2 Cor **5**, 6.
**13**, 5 A cita é do Dt **31**, 6 (cf Xén **28**, 15; Dt **31**, 8; Xos **1**, 5). Aínda que non coincide co T. M. nin cos LXX, senón coa mesma cita en Filón. O desinterese económico do cristián hase fundar na fe na protección de Deus (cf Mt **6**, 19-21. 25; **10**, 9-12).
**13**, 6 A cita é do Sal **118**, 6. O sentido do texto nas dúas citas cámbiase desde a protección de Deus ao pobo na guerra para a protección de Deus na economía.
**13**, 8 Esta fórmula é unha antiga profesión de fe (Ap **1**) e serve de aclaración á recomendación de imitar a fe dos dirixentes.
**13**, 9 É unha alusión ao tema dos xudaizantes (Rm **14**, 2-21; Col **2**, 16. 21; 1 Tim **4**, 3); isto é algo alleo á fe e á doutrina cristiá.
**13**, 10 Este altar é o altar da cruz e do santuario celeste (**7-10**) do que a Eucaristía é a súa subsistencia sacramental.
**13**, 11-12 O v. 11 é unha alusión a Lev **16**, 27-28, da que se serve o autor para confirmar biblicamente a oposición radical entre o altar dos cristiáns do v. 10 e o culto xudeu (fóra das portas da cidade), para indicar a ruptura da nova consagración coa localización sacral do xudaísmo.
**13**, 13ss O campamento é unha alusión ao campamento de nómades en que viviu o pobo de Deus, peregrino cara

que dure, andamos á procura da futura. [15]Por medio de Xesús ofrezamos decote a Deus un sacrificio de loanza, quere dicir, a homenaxe dos beizos que bendín o nome de Deus. [16]E que non vos esqueza mirar uns polo ben dos outros, que eses son os sacrificios que lle agradan a Deus.

[17]Facédelles caso e sometédevos aos vosos dirixentes, que eles se desvelan pensando en vós. Xa que teñen que dar contas de vós, que as dean con alegría e non xemendo, que estes xemidos non vos farían ben ningún.

[18]Rezade por nós. Estamos convencidos de que temos a conciencia limpa, posto que queremos portarnos decentemente en todo. [19]Pero insisto en que o fagades para que eu volva estar convosco canto antes.

### Conclusión epistolar

[20]Que o Deus da paz, que por mor do sangue dunha alianza eterna sacou de entre os mortos ao gran Pastor do rabaño, o noso Señor Xesús, [21]vos encha de todo ben, para que cumprades a súa vontade. Así El realizará en vós o que lle agrada, por medio de Xesús Cristo, a quen sexa a gloria polos séculos. Amén.

[22]Pídovos, irmáns, que aguantedes este sermón de conforto, xa que volo mando resumido. [23]Sabede que saíu do cárcere Timoteo, o voso irmán; se chega logo, ireivos ver con el.

[24]Dádelles saúdos a todos os vosos guieiros e a todo o pobo santo. Os de Italia mándanvos saúdos. [25]Que a graza vos acompañe a todos vós.

á terra prometida; a este campamento e tenda-santuario refírese a alusión do v. 11. Todo isto concretouse en Xerusalén e no seu templo, único lugar hábil para os lexítimos sacrificios. O autor, que falou de que temos un altar (v. 10), precisa xustificar que o altar cristián non ten unha circunscrición local fixa coma o do culto xudeu. A única localización é a espiritual da cidade futura.

**13**, 20 Lit. "quen sacou de entre os mortos ao gran Pastor do rabaño co sangue dunha alianza eterna". O sangue da alianza, ten que ser sangue vivo; e, se a alianza é eterna, ha ser un sangue resucitado para poder rematar esta alianza indefinidamente. Esta é a única alusión explícita á resurrección en Heb, aínda que vai sempre incluída cando se fala da "exaltación".

**13**, 22-25 É a despedida epistolar do sermón.

**13**, 24 Os de Italia non quere dicir que a carta fose escrita en Italia senón que se trata dun grupo cristián oriúndo de Italia que está co autor.

# INTRODUCIÓN ÁS CARTAS CATÓLICAS

*Chámanse* Cartas Católicas *as sete cartas que aparecen formando un conxunto no N. T. a continuación das de Paulo: unha de Santiago, dúas de Pedro, tres de Xoán e unha de Xudas. A razón de levaren o nome "católicas" vén probablemente do feito de seren cartas dirixidas ás comunidades cristiás en xeral e non a unha persoa ou a unha comunidade concreta.*

*Cinco delas St, Xds, 2 Pe e 2 e 3 Xn son escritos deuterocanónicos, isto é, escritos que viron discutida a súa autenticidade nos primeiros séculos do cristianismo.*

# INTRODUCIÓN Á CARTA DE SANTIAGO

## 1. Autenticidade

*O que escribe a carta é "Santiago, o servidor de Deus e de Xesús Cristo, o Señor" (**1**, 1a). Quen é este personaxe? Na Igrexa primitiva houbo polo menos tres Santiagos: un foi Santiago o Maior (Mt **4**, 21), un dos apóstolos: "o noso Santiago", morto no ano 44; outro foi Santiago o Menor, que, con moita seguridade se pode identificar co fillo de Alfeo, apóstolo tamén (Mt **10**, 3); e finalmente houbo un terceiro Santiago, curmán do Señor (Mt **13**, 55), figura relevante, que cumpriu un papel de moita importancia nos primeiros anos do cristianismo ata o seu martirio, acaecido no ano 62 (cf Feit **12**, 7; **15**, 13; **21**, 18; Gál **1**, 19).*

*Vese cada vez menos posible que este Santiago, curmán do Señor, sexa o mesmo Santiago de Alfeo. Así que o autor da carta sería o soado Santiago, unha das columnas da Igrexa (Gál **2**, 9), alcumado "Xusto"; tampouco non ten moito apoio a opinión de que a carta é un escrito pseudoepigráfico.*

*É certo que a carta está escrita cunha riqueza de vocabulario e cunha forza estilística e retórica sen semellanza no N. T. e iso de primeiras non se avén coa suposta cativa cultura dun galileo; pero tampouco non é un obstáculo maior, porque moi ben puido botar man dun secretario para compoñer a súa misiva. Ou, como pensan outros, alguén puido poñer por escrito unha tradición que viñese de Santiago. En troques, atópanse na carta semitismos abondos e unha sensibilidade moi achegada ao mundo bíblico, tanto do Novo coma do Antigo Testamento, e aínda máis daquel ca deste.*

## 2. Destinatarios e data

*"Ás doce tribos que están na emigración" (**1**, 16). Este é o enderezo da carta. Baixo tal epígrafe contéñense ou ben unicamente os xudeu-cristiáns esparexidos polo mundo adiante, ou ben, con máis probabilidade, todos os cristiáns, compoñentes do novo Israel de Deus, o Israel espiritual, igualmente espallados por todos os países.*

*A data da composición non é fixa, e está dependendo das dúbidas que aínda hai verbo do autor; se é Santiago, o curmán do Señor, hai que datar a carta antes do 62; e, se concedemos que a doutrina sobre a fe e as obras é unha resposta á deformación da doutrina paulina presentada na Carta aos Romanos (ano 57), teriamos xa un pequeno espazo de cinco anos (57-62), dentro do que se escribiría esta carta.*

## 3. Contido

*O contido dos cinco capítulos de que consta non responde a un tema ou temas tratados cun artellamento rexo. Máis ben recóllese neles un bo mollo de preceptos morais sobre o comportamento que acae a quen ten a súa fe posta en Cristo: tentacións na vida cristiá (**1**, 1-18); escoita e cumprimento da Palabra que trae a vida (**1**, 19-27); necesidade de rexeitar todo, os distingos entre os membros da comunidade cristiá (**2**, 1-13); necesidade igualmente de que a fe se viva con feitos que mostren a súa vitalidade (**2**, 14-26); que o xuízo e a experiencia se han demostrar en dominar a propia lingua nun espírito de paz (**3**, 1-18), botando a unha beira as cobizas que arredan entre si aos irmáns (**4**, 1-12); a forte e tallante crítica dos ricos (**4**, 13-**5**, 6); e, por fin, a chamada a unha frutífera paciencia (**5**, 7-12), coroada pola soada pasaxe de **5**, 14 acerca da unción dos enfermos. En medio de todo isto, ensarilladas con maior ou menor acerto, unha chea de normas éticas moi concretas e, destacando do conxunto, como liñas fortes, as tensións pobres/ricos e obras/fe.*

*Non se pense, por iso, que o escrito está falto de forza e vitalidade. Ao contrario, poida que sexa un dos escritos máis vivos de toda a Biblia, pola súa verba ferinte e directa, que bota man de todos os medios que a linguaxe ofrece (laios, aldraxes, correccións, ameazas, exemplificacións, etc.), para chegar sen rodeos ao corazón dos fieis a quen se dirixe. Abonda unha lectura lixeira para se decatar disto.*

*Como queda dito noutro lugar, a "carta de palla", como a chamaba inxustamente Lutero, é deuterocanónica, cousa que só fai referencia a un feito histórico xa superado e que nada ten que ver co seu grao de importancia no conxunto dos escritos bíblicos.*

# CARTA DE SANTIAGO

### Saúdo

**1** [1]Santiago, o servidor de Deus e do Señor Xesús Cristo, saúda ás doce tribos que están na emigración.

### As tentacións

[2]Cando vos vexades envoltos en diferentes tentacións, meus irmáns, tédevos por moi ditosos, [3]porque xa sabedes que aquilo que somete a proba a vosa fe xera paciencia. [4]Pero cómpre que a paciencia vaia acompañada de boas obras, de xeito que sexades perfectos e completos sen fallardes en cousa ningunha.

[5]Se algún de vós está necesitado de sabedoría, que lla pida a Deus, que llela dá a todos abondo e sen roñar; [6]e a ese tal tamén lla ha dar. Pero cómpre que pida con fe e sen dubidar para nada, que quen dubida é coma as ondas do mar, que o vento abala e leva de aquí para acolá. [7]Un home así non pense recibir cousa ningunha do Señor: [8]é un indeciso e un inconstante en todos os seus camiños.

[9]Que o irmán de condición humilde se glorie da súa gran dignidade; [10]e o rico, da súa humillación, porque pasará coma a flor da herba: [11]soérguese o sol coa súa fogaxe e queima a herba, cáelle a flor e pérdese a súa fermosa aparencia; pois así mesmiño murchará o rico nas súas empresas.

[12]Benia ao home que resiste na tentación, porque, como a supere, recibirá o premio da vida, que Deus prometeu aos que o aman. [13]Que ninguén diga ao se ver tentado: "Deus é quen me tenta", porque nin o mal tenta a Deus nin Deus tenta a ninguén. [14]A cadaquén téntao a súa cobiza cando o arrastra e engaiola: [15]despois a cobiza concibe e pare o pecado; e o pecado, en consumándose, xera morte. [16]Non vos trabuquedes, irmáns queridiños. [17]Todo bo regalo e toda dádiva perfecta vén de arriba, do Pai dos luceiros, en quen nin hai cambios nin tempos de sombras. [18]Pola súa vontade tróuxonos á vida coa palabra da verdade, para que fósemos como as primicias das súas criaturas.

### Escoitar a palabra e cumprila

[19]Xa o sabedes, meus irmáns benqueridos: que todo home sexa espelido para escoitar, calmo para falar e calmo tamén para o anoxo, [20]porque o anoxo do home non leva á conduta que Deus pide.

[21]Polo tanto, rexeitando calquera lixo ou resto de ruindade, acollede docilmente a Palabra enxertada en vós, que pode salvar as vosas vidas. [22]Sede cumpridores da Palabra e non vos contentedes con escoitala xustificándovos con razóns enganosas. [23]Porque quen escoita a Palabra e non a pon en práctica é coma o home que se puxo a ollar a súa propia cara nun espello: [24]mirouse ben nel, pero, ao que deu media volta, esqueceulle como era. [25]En cambio, quen afonda no coñecemento da lei perfecta, a que dá a liberdade, e se mantén nela, non para a escoitar e a esquecer deseguida, senón para a poñer por obra, ese será feliz na súa actuación.

[26]Se alguén se tiver por home relixioso sendo un badueiro que engana ao seu propio corazón, a súa relixiosidade sería baleira. [27]A relixión limpa e sen lixo ningún aos ollos de Deus Pai é esta: mirar polos orfos e polas viúvas nas súas coitas e gardarse da contaminación deste mundo.

### Distingos nas comunidades

**2** [1]Meus irmáns, a fe que temos no noso Señor Xesús Cristo, o glorioso, non cadra ben con certos distingos entre persoas. [2]Entra na vosa asemblea, é un supoñer, un home cun

**1**, 1 *Emigración*: con esta palabra tentamos traducir nun contexto actual o feito histórico da diáspora xudía e o feito espiritual dos cristiáns esparexidos polo mundo, apartados da súa terra (cf 1 Pe **1**, 1).

**1**, 4 Apunta xa no comezo o tema da necesaria complementariedade entre fe e obras, que desenvolverá en **2**, 14-26.

**1**, 5 *Sabedoría*: non unha sabedoría intelectual, "da terra, animal, endiañada", como dirá máis adiante en **3**, 15, senón un saberse desenvolver na dureza da vida, cunha apreciación das cousas propias do crente.

*Abondo*; tamén "sen dificultade", "simplemente".

**1**, 9 Xa desde o principio quedan ben claras as preferencias do autor, moi en liña, por outra banda, coa tradición bíblica e cristiá máis xenuína. "Deus sostén aos humildes" (Sal **147**, 6).

**1**, 18 *A palabra da verdade*, a "lei perfecta" (**2**, 25) é o Evanxeo: é o mesmo Cristo quen nel se nos manifesta como palabra salvadora e vivificante, que nos dá a liberdade.

**1**, 20 *A conduta que Deus pide*: lit. "a xustiza de Deus", isto é, o que Deus xulga ser xusto, a súa vontade.

**2**, 1 A pasaxe, composta en forma de diatriba, ten unha forza extraordinaria. Trátase de sensibilizar aos fieis e de chamarlles a atención sobre unha actitude tipicamente cristiá que, baseada nuns criterios anovados pola lei da liberdade, vai máis aló dos criterios normais no trato cos pobres o cos podentes.

anel de ouro, vestido con moita galanura, e entra tamén un pobre vestido con farrapos; [3]se vos fixades no que vai ben vestido, e lle dicides: "Ti acomódate ben aquí"; e ao pobre: "Ti queda de pé aí", ou "Senta no chan aos meus pés", [4]non estades facendo distincións entre vós mesmos, converténdovos en xuíces de criterios inicuos?

[5]Escoitádeme ben, meus irmáns queridiños: seica non escolleu Deus os pobres deste mundo para seren ricos na fe e herdeiros do Reino que Deus prometeu aos que o aman? [6]Vós, en troques, abafastes o pobre. Seica non son os ricos os que vos asoballan e os que vos levan a xuízo? [7]Non son eles tamén os que aldraxan o fermoso nome que se invocou sobre vós? [8]Facedes moi ben se, con todo, cumprides á perfección a Lei rexia da Escritura que di: *Amarás o teu próximo coma a ti mesmo*. [9]Pero se andades con favoritismos, pecades e a lei havos acusar de transgresores. [10]Porque quen garda toda a Lei, aínda que só quebrante un mandado, ten que responder de todos, [11]pois o que dixo: *Non fagas adulterio*, tamén dixo: *Non mates*.

E, se non adulteras pero matas, xa non cumpres coa Lei. [12]Falade e facede as cousas como acae a quen a lei da liberdade vai xulgar, [13]pois terá un xuízo sen misericordia o que non foi misericordioso; a misericordia está por riba do xuízo.

### A fe móstrase nos feitos

[14]Irmáns benqueridos, que proveito lle trae a un dicir que ten fe, se non ten feitos? Acaso o poderá salvar esa fe? [15]Se un irmán ou unha irmá andan espidos e necesitados do pan de cada día, [16]e vai un de vós e dilles: "Idevos en paz, quentádevos e fartádevos", pero non lles dá aquilo que lle cómpre ao seu corpo, que proveito levan? [17]Pois o mesmiño pasa coa fe: se non ten feitos, leva a morte no seu cerne.

[18]Pode dicir alguén: "Ti tes a fe, eu teño os feitos". Móstrame a túa fe sen feitos, que eu polos feitos heiche mostrar a miña fe.

[19]Ti cres que só hai un Deus? Fas ben, pero iso tamén o cren os demos e mais tremen.

[20]Queres entender dunha vez, parvo, que a fe sen feitos está morta? [21]Os feitos xustificaron ao noso pai Abraham, cando ofreceu o seu fillo Isaac enriba do altar, non si? [22]Fíxaste como a fe colabora cos seus feitos e como polos feitos a fe chegou á súa madurez? [23]Así se cumpriu a Escritura que di: *Abraham tivo fe en Deus e iso valeulle de xustificación*, de xeito que mesmo se lle chamou amigo de Deus. [24]Xa vos decatades de como son os feitos os que xustifican o home e non só a fe. [25]O mesmo podemos dicir da prostituta Rahab: seica non a xustificaron os feitos, cando recibiu os mensaxeiros e os encamiñou logo por outros carreiros? [26]O mesmo que un corpo sen alento está morto, así tamén a fe sen feitos morta está.

### A verdadeira sabedoría

**3** [1]Meus irmáns, que non haxa moitos de vós a se poñeren de mestres; xa sabedes que aos mestres os han xulgar con maior severidade, [2]porque todos pecamos moitas veces. Se hai alguén que non falte no falar, ese é un home perfecto, que pode refrear o seu corpo enteiro. [3]Ollade: aos cabalos poñémoslles un freo na boca para que nos obedezan e así controlamos o seu corpo. [4]E o mesmo os barcos: con seren tan grandes e iren empurrados por ventos tan fortes, gobérnanse cun temón pequeno cara a onde o temoeiro os quere levar.

[5]Pois outro tanto pasa coa lingua: ser é un membro ben pequerrecho, pero pode gabarse de grandes cousas. Aí o tedes: cunha fogueiriña cantas fragas poden arder! [6]E a lingua é un lume, un mundo de ruindade. A lingua é unha parte dos nosos membros que contami-

**2**, 5 A riqueza na fe, que os pobres posúen por concesión de Deus (cf **1**, 9), colócase nun plano moi superior a toda posible condición social.
**2**, 7 Invocar sobre alguén o nome glorioso do Señor era tanto como asegurarlle a protección de Deus.
**2**, 14 A doutrina que se reflicte nesta pasaxe non está, xa que logo, en contradición co que Paulo ensina sobre a relación entre a fe e mais as obras, maiormente en Rm e Gál. As propostas son diferentes. Para Paulo o que cumpría era deixar ben sentado que as obras non acadan de seu a salvación. Esta é un don de Deus, que cómpre acoller na fe. En troques Santiago tenta demostrar a necesidade de que a fe teña unha tradución realista no vivir cotián, cousa esta non allea tampouco ao sentir paulino.
**2**, 20 *A fe sen feitos está morta*: frase que atopa unha formulación positiva no v. 22, onde se di: "... polos feitos a fe chegou á súa madurez". Ambas as dúas aclaran o sentido do v. 24: "son os feitos os que xustifican ao home e non só a fe".
**2**, 23 Rm **4**, 3: cf Xén **15**, 6.
**3**, 1 Lit. "pois xa sabedes que seremos xulgados con maior severidade".
**3**, 2 Ideal de perfección moi en liña coa importancia concedida á lingua nos vv. 1-12.
**3**, 3 Boa contraposición entre a sabedoría que vén de arriba (v. 17) e a da terra (v. 15). A axuizada mansedume oponse nela aos celos acedos, que apartan da verdade.
**3**, 4 O temón de popa é realmente un invento de final da Idade Media. Antigamente os barcos dirixíanse con dous remos traseiros que entre nós se chaman "peltres" ou "espadeiros".

na o corpo enteiro e, por estar inflamada polo inferno, fai arder ela tamén, pola súa banda, toda a nosa vida desde os comezos.

7Calquera caste de bestas ou paxaros ou cóbregas ou peixes pode domeala o home e, de feito, doméaa; 8a lingua, en troques, ninguén a dá domeado: é un mal sen acougo, cheo de solimán de morte. 9Con ela bendicimos a Deus, o noso Pai; e con ela maldicimos os homes, creados semellantes a Deus. 10Dos mesmos beizos saen a bendición e mais a maldición. E isto, irmáns, non debía ser así. 11É que hai fonte que polo mesmo picho bote auga doce e auga amarga? 12Meus irmáns, é que pode dar olivas a figueira ou figos a videira? E tampouco unha fontela salgada pode dar auga doce.

13Quen de vós ten bo xuízo e experiencia? Pois quen o teña que manifeste coa súa boa conduta as obras feitas con asisada mansedume. 14Pero, se tedes o corazón cheo de celos acedos e de liortas, deixádevos de fachendas e non andedes mentindo contra a verdade; 15esta sabedoría non vén de arriba senón que é da terra, animal, endiañada. 16Pois onde hai receos e liortas, dáse tamén alí o descontento e toda caste de ruindades. 17Pola contra, a sabedoría que vén do ceo é primeiramente pura e despois pacífica, sinxela, acolledora, chea de misericordia e de bos froitos, imparcial, sen finximento. 18O froito da xustiza seméntano coa paz os que van facendo a paz.

### As cobizas fan as divisións

**4** 1De onde veñen esas guerras e liortas que se dan entre vós? Non será das vosas cobizas, que loitan no voso interior? 2Degoirades e non tedes; enrabechádesvos e andades cheos de envexa e non logrades cousa; combatédesvos e facédesvos a guerra e non conseguides porque non o pedides 3e, se pedides, non recibides, porque pedides só co devezo de satisfacerdes as vosas cobizas.

4Desleigados! Seica non sabedes que a amizade con este mundo é inimiga de Deus? E así quen quere ser amigo deste mundo faise inimigo de Deus. 5Ou é que coidades que a Escritura di sen razón aquilo de que "o Espírito que puxo en nós ten arelas fortes"? 6Pero meirande é a graza que nel concede. E por isto di: *Deus arrepónselles aos soberbios, pero aos humildes dálles a súa graza*.

7Sédelle, logo, ben mandados a Deus; facédelle fronte a Satán e arredarase de vós. 8Achegádevos a Deus e El achegarase a vós. Lavade as mans, pecadentos, limpade os corazóns, homes falsos. 9Apalpade as vosas miserias, poñede o loito e chorade; que o voso riso se converta en pranto; e a vosa alegría, en tristura. 10Abaixádevos no acatamento do Señor, que El vos ha soerguer. 11Non andedes falando mal uns dos outros, irmáns. Quen fala mal de seu irmán ou xulga a seu irmán, fala mal da Lei e xulga a Lei; e, se xulgas a Lei, xa non es cumpridor da Lei, senón o seu xuíz. 12Só un é lexislador e xuíz: o que pode salvar e perder. Pero quen es ti para xulgares o próximo?

### Pobres dos comerciantes e dos ricos!

13Reparade agora no que dicides: "Hoxe ou mañá imos ir para esta ou aquela cidade, botaremos alí o ano, negociaremos e teremos beneficio". 14Pero se non sabedes o que vai ser de vós mañá! Porque que é a vosa vida? Unha fumarediña que aparece e desaparece no mesmo intre. 15En vez diso debiades dicir: "Se Deus quere e chegamos alá, imos facer isto ou aquilo". 16Pero vexo que vós sodes uns fanfurriñeiros e semellante fachenda é mala. 17O que coñece o ben que ten que facer e non o fai, comete pecado.

**5** 1E vós, os ricos, chorade e berrade polas desgrazas que van vir enriba de vós. 2A vosa riqueza está podrecida; a vosa roupa chea de couza; 3o voso ouro e a vosa prata, enferruxados; e a mesma ferruxe será testemuño en contra vosa e, coma se for lume, comerá as vosas carnes. Estades atesourando na fin dos tempos! 4Atención! O xornal que non lles pagastes aos obreiros que vos fixeron a seitura está clamando e o seu berro chega aos oídos do Señor dos Exércitos. 5Vivistes

**4**, 2 Versículo de puntuación difícil. Outra tradución podería ser: "Degoirades e non tedes? Asasinades. Andades cheos de envexa e non acadades cousa? Loitades e facédesvos a guerra".
**4**, 4 *Desleigados*: a verba orixinal é "adúlteras", así, en feminino, que trae a lembranza do significado que semellante palabra levaba consigo na historia teolóxica das relacións entre Deus e o pobo de Israel.
**4**, 5 Non se conserva hoxe o posible texto ao que parece aludir esta cita, por outra parte de non doada interpretación; outra tradución podería ser: "o Espírito que Deus fixo habitar en nós tennos un agarimo celoso".
**4**, 6 Pr **3**, 34 (LXX).
**4**, 11-12 Falar mal do próximo, xulgalo, supón exercer un papel xudicial que só pertence ao lexislador e xuíz por antonomasia: supón, entón, atribuírse un poder sobre a mesma Lei, que só Deus ten.
**5**, 1 A pasaxe que se inicia con este v. ofrece un cadro arrepiante do futuro dos ricos. O amoreamento mesmo de bens, maiormente se é froito da inxustiza, abonda para anunciar un xuízo ríspeto aos que nel atoparon confianza e fartura.

na terra cheos de fartura e cebastes os vosos
corazóns nos praceres para o día da matanza.
[6]Condenastes o xusto e matástelo sen que el
vos fixese fronte.

**Saber agardar**

[7]Tede, logo, paciencia, irmáns, deica a vol-
ta do Señor. Reparade en como o labrego coa
esperanza posta nos preciosos froitos da terra
agarda con paciencia as augas temperás e as
serodias. [8]Tede tamén vós paciencia e collede
folgos, porque o Señor axiña chegará. [9]Non
vos queixedes, irmáns, uns dos outros, para
que non vos sentencien; mirade que o xuíz
está xa á porta. [10]No sufrimento e na pacien-
cia, irmáns, seguide o exemplo dos profetas
que falaron no nome do Señor. [11]Mirade que
agora nós chamámoslles benaventurados aos
que aturaron todo. Tedes oído falar da pa-
ciencia de Xob e xa vedes a fin que lle con-
cedeu o Señor, porque o Señor é compasivo
e misericordioso.

[12]Sobre todo, irmáns, non xuredes: nin polo
ceo nin pola terra, nin por cousa ningunha.
Que o voso si, sexa si; e que o voso non, sexa
non; para que non vos sometan a xuízo.

**A oración**

[13]Anda magoado algún de vós? Que rece.
Séntese alegre? Que cante salmos. [14]Algún
de vós ten unha doenza? Faga traer os an-
ciáns da comunidade, para que recen por el,
unxíndoo con aceite no nome do Señor. [15]E a
oración feita na fe salvará o enfermo; o Se-
ñor fará que se erga e, se tiver pecados, per-
doaránselle. [16]Así que confesádevos mutua-
mente os vosos pecados e rezade uns polos
outros para que teñades saúde. Moito pode
a oración teimosa do xusto. [17]Elías era un
home coma calquera de nós; pediu afervoa-
damente que non chovese e non choveu nada
en tres anos e medio; [18]volveu pedir e o ceo
mandou auga e a terra deu os seus froitos.

[19]Meus irmáns, se algún de vós se arreda
da verdade e outro o trae ao bo camiño, [20]tede
seguro que quen fai que un pecador volva dos
seus camiños trabucados, salvará a súa alma
da morte e soterrará unha chea de pecados.

**5**, 7 O mesmo xuízo severo dos ricos ten para os fieis pacientes unha cara risoña: o coroamento glorioso da súa espera, sostida con constancia.
**5**, 14-15 O Concilio de Trento ratificou cunha definición a crenza tradicional que viu nesta pasaxe os alicerces histórico-doutrinais do sacramento da Unción dos Enfermos, do que nestes vv. se ofrecen os elementos principais: a unción e a oración polo irmán doente, que acadan a saúde e o perdón dos pecados.
**5**, 15 As palabras "salvar" e "erguerse" teñen aquí posiblemente un dobre valor: a) salvación escatolóxica, resurrección; b) significado normal de curar e levantarse (coma nos milagres evanxélicos). Pecado e enfermidade estaban moi unidos no pensamento bíblico; é lóxico que tamén o estean curación e salvación.
**5**, 16 Fálase aquí dunha práctica penitencial consistente na confesión mutua dos pecados, pero nada se di do seu posible alcance sacramental.
**5**, 20 *Salvará a súa alma*: a do pecador ou a súa?; parece referirse máis ben á súa, aínda que posiblemente inclúa a dos dous.

# INTRODUCIÓN Á PRIMEIRA CARTA DE PEDRO

*Esta carta ten poucas doutrinas novas respecto do resto do N. T.: só o tema do "sacerdocio de reis" dos cristiáns (**2**, 9) e a "predicación" de Xesús Cristo nos infernos (**3**, 19-20; **4**, 6). Con todo, está tendo nos últimos anos moito interese. A razón é que se ve nela un resumo da catequese bautismal primitiva e pode depender directamente dos manuais ou florilexios empregados na devandita catequese.*

## 1. Destinatarios da carta e finalidade

*En **1**, 1 enuméranse cinco provincias romanas que corresponden ás zonas norte, centro e oeste de Asia Menor. Hai que ter en conta que a actividade misioneira nesta zona foi moi rápida, como se deduce do xeito de actividade de Paulo e da consciencia de urxencia que el tivo que infundir nos convertidos (cf Col **1**, 7).*

*Certas pasaxes da carta (**1**, 14. 18; **2**, 9. 10; **3**, 6; **4**, 3) indican que os destinatarios son os cristiáns convertidos do paganismo, xa que estas expresións non teñen sentido referidas aos xudeu-cristiáns.*

*A organización destas igrexas debía ser aínda bastante imperfecta, xa que só se citan os presbíteros "responsables da comunidade" (**5**, 1-4) e quizais os diáconos (**4**, 11). Isto testifica a súa data temperá de composición. Nestas comunidades debían de abundar os escravos, a xulgar pola extensión que se lle dedica aos consellos para eles (**2**, 18-25), e o mesmo ás mulleres ricas (**3**, 1-6).*

*A finalidade da carta vén expresada en **5**, 13: "Escríbovos esta pequena carta para vos exhortar e asegurar que esta é a verdadeira graza de Deus. Afincádevos fortes nela". Nos vv. anteriores (9-10) fálase da fe e da esperanza e dos sufrimentos. Por isto queda ben claro que a situación na que se encontran os destinatarios é unha situación de persecución e de sufrimentos polo feito de seren cristiáns (**4**, 14-16), e que o autor busca coa carta animar os cristiáns de Asia Menor a se manteren fieis na súa fe, cos ollos postos na esperanza da recompensa de Deus o día da parusía (cf **1**, 3-9; **5**, 1).*

*O motivo dos sufrimentos destes cristiáns son as calumnias dos pagáns (ou xudeus) (**2**, 12. 15; **3**, 16; **4**, 4). Nada deixa supoñer que a estes cristiáns os estean levando aos tribunais en **3**, 15. Máis ben trátase das críticas e malos ollos con que os seus veciños e amigos de antes da conversión ven a separación destes cristiáns da vida de vicio e libertinaxe que antes levaban nos cultos pagáns (**4**, 3-4).*

*Por outra banda, o desprezo dos cristiáns polos costumes e relixiosidade popular tivo que aumentar este odio. Por isto o autor recoméndalles que non sexan entremetidos (**4**, 15), que vivan como forasteiros e emigrantes (**2**, 11; cf **1**, 1), que teñan consideración con todo o mundo (**2**, 17).*

## 2. Autor, data e lugar da composición

*A carta atribúeselle a san Pedro, apóstolo de Xesús Cristo (**1**, 1), e escribiríaa Silván (**5**, 12). Este Silván (nome latino) é o mesmo ca Silas e resulta ser un personaxe ben coñecido polos escritos do N. T. (Feit **15**, 22. 39ss). Foi coautor das Cartas aos Tesalonicenses (cf 1 Tes **1**, 1; 2 Tes **1**, 1); era cidadán romano (Feit **16**, 37). Por todo isto parece ser un home de letras, cousa que corrobora o estilo da carta; o estilo literario do texto é un grego elegante: frases moi longas e ben encaixadas, con citas do A. T. segundo a versión dos LXX. A personalidade de Silván explícanos tamén os destinatarios da carta, xa que se trataba de comunidades cristianizadas por el, xunto con san Paulo (Feit **15**, 39ss). Por estes motivos algúns especialistas chegan a atribuírlle a completa responsabilidade da carta. Con todo, isto non tería que excluír a Pedro do coñecemento, do feito da aprobación e da mesma iniciativa.*

*Presenta gran semellanza co pensamento das cartas de Paulo, incluso nas frases. A explicación destes feitos pode residir nos florilexios de catequese para os directores da evanxelización dos pagáns, que sen dúbida tiveron que existir, e tamén no feito de que Silván foi compañeiro e discípulo de Paulo.*

*A data de composición da carta tería que ser, así, antes da morte de Pedro. Parece que arredor do ano 64, xa que a situación en que se supoñen as comunidades de Asia Menor non se amosa na carta, unha situación de aberta e xeneralizada persecución. Aínda que algúns especialistas pensan que si, e retrasan a composición da carta ata os anos 90, data da primeira persecución xeneralizada de Domiciano (a persecución de Nerón foi unha cousa local de Roma). Pero o xeito de concibir a actitude dos cristiáns ante as*

*autoridades, non ten punto de comparación coa Apocalipse (composta nos anos 90); na I Pedro recoméndase someterse e abaixarse ás autoridades, na esperanza de que elas se convertan (**2**, 15; **3**, 2; **4**, 5); a expresión de **3**, 13 sería incomprensible durante a persecución dos anos 90.*

*O lugar de composición parece ser Roma, indicada en **5**, 13, co nome simbólico de Babilonia, que quere indicar o centro onde reside o poder do mundo, onde se atopa desterrado o pobo de Deus.*

### 3. Influxos literarios na carta

*Un dos elementos máis curiosos que atopamos na carta é a presenza de tres himnos ou cantos de orixe litúrxica da primitiva Igrexa (**1**, 3-5; **2**, 21-25; **3**, 18-22), nos que se advirte como elemento dominante a profesión da fe, a salvación e vida que Xesús Cristo resucitado, Fillo de Deus, nos comunica no bautismo e nos dará na escatoloxía; hai tamén un cuarto poema de tipo parenético (**5**, 5-9), debido sen dúbida ao talento poético do autor.*

*Máis ca da liturxia bautismal de Roma, pensamos que se trata duns preciosos exemplos de parenese ou exhortación moral, que se fai xurdir da fe no misterio salvífico e da esperanza na escatoloxía: a vida moral é unha esixencia do contido da propia fe e da esperanza na parusía vividas na liturxia.*

# PRIMEIRA CARTA DE PEDRO

**Saúdo**

**1** [1]Pedro, apóstolo de Xesús Cristo, aos emigrantes espallados polas provincias do Ponto, Galacia, Capadocia, Asia e Bitinia, [2]aos que xa Deus Pai tiña escollidos e a quen santificou co Espírito para obedeceren a Xesús Cristo e para asperxelos co seu sangue. Para vós graza e paz con toda abundancia!

## PRIMEIRA PARTE: ESIXENCIAS DO BAUTISMO

**Loanza a Deus por renacer cristiáns**

[3]Loado sexa o Deus e Pai do noso Señor Xesús Cristo!
Que pola súa grande compaixón,
resucitou a Xesús Cristo da morte
e fíxonos renacer a unha vida
que se nos dá en esperanza,
[4]a unha herdanza que non se corrompe
nin se afea
nin murcha,
predestinada por Deus para vós;
[5]grazas á fe que vós tedes,
estades protexidos polo poder de Deus
en vistas á salvación
que está para se manifestar, no intre final.
[6]Por iso brincades de alegría, aínda que agora, se fai falta, teñades que sufrir por un pouco tempo diferentes probas. [7]Deste xeito, o xenuíno da vosa fe ten máis valía do que o ouro –que, a pesar de ser pasadío, se aquilata no lume– e considérase merecente de loanza, gloria e honra cando se revele Xesús Cristo, [8]a quen amades sen o terdes visto; en quen credes, aínda sen o ver; e brincades, cheos dunha alegría indicible e gloriosa, [9]porque conseguistes o froito da vosa fe, a vosa salvación persoal.

[10]Sobre esta salvación meditaron e pescudaron algúns profetas, que profetizaron acerca da graza que se vos concedeu. [11]Pescudaron eles a data e as circunstancias ás que o Espírito de Cristo, presente neles, se quería referir, cando lles predicía os sufrimentos reservados a Cristo e as glorias que virían despois. [12]Revelóuselles que non eran ministros destes misterios proféticos para proveito deles senón para o voso: misterios proféticos, que nesta era vos anunciaron os que vos evanxelizaron movidos polo Espírito Santo mandado desde o ceo, cousa esta que os mesmos anxos desexan achegarse a ollar.

**Ser santos, a imitación de Deus**

[13]Por iso, preparados espiritualmente para a vosa peregrinación e vivindo con sobriedade, poñede toda a vosa esperanza na graza que se vos concederá cando sexa a revelación de Xesús Cristo. [14]Coma fillos obedientes, non vos axeitedes aos desexos de antes, can-

**1**, 1 *Pedro, apóstolo de Xesús Cristo*: son os títulos cos que se presenta o autor responsable, aínda que Pedro (Mt **16**, 18) non fose o redactor da carta.
*Emigrantes* ou peregrinos: a esperanza escatolóxica converte ao cristián nunha persoa de paso; a súa terra está na cidade celeste (Flp **3**, 20; Heb **11**, 13-16).
**1**, 2 *Aos que xa Deus Pai tiña escollidos*: lit. "escollidos segundo un previo proxecto de Deus Pai". Este proxecto da Nova Alianza realízase mediante a acción santificadora do Espírito Santo e constitúese como unha esixencia de aceptación e obediencia a Xesús Cristo. Nótese o carácter trinitario deste v.
**1**, 4 *A herdanza* nos LXX é o termo técnico para expresar a terra prometida (Xén **17**, 3; Sal **74**, 1), que os cristiáns entenderon como o Reino prometido (Mt **25**, 34) e xa posuído polos crentes (Heb **11**, 7).
**1**, 6-9 A experiencia salvífica, coa súa perspectiva escatolóxica, produce no cristián unha alegría tal que lle dá forzas nas probas da fe e fai que estes sufrimentos se vexan como unha purificación e se estimen pola recompensa escatolóxica.
**1**, 10-12 A era en que nos tocou vivir é privilexiadísima, xa que os mesmos profetas do A. T. –os homes de máis elevado espírito dos tempos antigos– pescudaron verbo destes tempos salvíficos e dos sufrimentos e gloria de Xesús Cristo e da correspondente graza, que só no noso proveito se concede.
**1**, 11 Era idea común no mundo xudeu que os profetas falaron baixo a inspiración do Espírito de Deus (2 Sam **23**, 2; Is **61**, 1); a doutrina da primitiva Igrexa recoñece a preexistencia e a actividade de Xesús Cristo antes da Encarnación (**1**, 20; Xn **1**, 1-10; Col **1**, 15; **10**, 4; Heb **11**, 26). Con esta fórmula quere expresar 1Pe a unidade de toda a revelación do A. e N. T.
**1**, 12 Aínda que os anxos na literatura apocalíptica son os transmisores das revelacións de Deus aos videntes, os coñecementos destes seres celestes son limitados (cf Mc **13**, 22; Rm **16**, 25; 1 Cor **2**, 8). O misterio salvífico é superior á ciencia dos anxos (1 Cor **13**, 1; Gál **1**, 8; Heb **2**, 16), e deste xeito o misterio salvífico "anúnciaselles aos principados e potestades" (Mt **18**, 10; Lc **15**, 7; Ef **3**, 10).
**1**, 13 *Preparados espiritualmente para a vosa peregrinación*: lit. "cinguidos os riles da vosa mente". A imaxe alude á preparación espiritual para a viaxe, ata o encontro co Señor na Parusía. Cf Lc **12**, 35; Ef **6**, 14.

do viviades na ignorancia, [15]senón que, do mesmo xeito que o que vos chamou é santo, así tamén sede vós santos en calquera circunstancia, [16]porque a Escritura di: *Seredes santos, porque eu son santo.*

[17]E aínda que lle podedes chamar Pai ao que xulga con imparcialidade as obras de cada un, comportádevos con respecto durante o tempo do voso peregrinar, [18]porque xa vedes que non vos rescataron dese tipo idolátrico de vida, que recibistes dos vosos pais, con algo perecedoiro, tal coma ouro ou prata, [19]senón que vos rescataron co precioso sangue de Cristo, Año sen defecto nin tacha. [20]El xa estaba escollido de antes da creación do mundo, pero presentouse nos derradeiros tempos para o voso ben. [21]Por medio del tedes fe en Deus, que o resucitou da morte e o glorificou, e dese xeito a vosa fe e a vosa esperanza están postas en Deus.

### O amor, esixencia do anuncio cristián

[22]Xa que a purificación do voso interior coa aceptación da Verdade, vos levou a quererervos sinceramente coma irmáns, querédevos ben uns aos outros, de corazón e con constancia. [23]Porque volvestes nacer, non dunha semente perecedoira, senón dunha imperecedoira: volvestes nacer por medio da Palabra vivificadora e permanente de Deus. [24]Porque

*todo mortal é coma unha herba,*
*e toda a súa beleza coma a flor dunha herba:*
*secou a herba*
*e caeu a flor;*
[25]*en troques, a palabra do Señor*
*permanece para sempre.*

Ora, esa é a palabra con que vos evanxelizaron.

### O sacerdocio dos cristiáns

**2** [1]Así que, espídevos de toda maldade, de toda mesquindade e finximento, da envexa e de falar mal dos outros. [2]Coma nenos que acaban de nacer, ansiade o leite puro, o espiritual, que recibistes no bautismo, para medrardes con el en orde á salvación, [3]xa que probastes o bo que é o Señor.

[4]Ao achegárdesvos ao Señor, pedra vivificadora de refugallo para os homes, pero pedra escollida e apreciada aos ollos de Deus, [5]sede tamén vós, coma pedras vivas, parte da construción do templo espiritual: para os cultos dun sacerdocio santo e para ofrecer ofrendas espirituais, aceptables a Deus por medio de Xesús Cristo. [6]Por iso lese na Escritura:

*Ollade que eu poño en Sión*
*unha pedra angular,*
*escollida e digna de honra;*
*quen fíe nela, non levará desengano.*

[7]A súa honra é para vós os que credes, pero para os que non cren é

*a pedra que refugaron os canteiros*
*e que se converteu en esquinal*
[8]e aínda máis:
*en pedra onde se tropeza,*
*en couce onde un se esnafra.*

Eles tropezan contra a Palabra, porque non lle fixeron caso: tropezar era o seu destino.

**1**, 15 A santidade é sen dúbida o atributo esencial de Deus. Desde Isaías e Oseas (Is **6**, 1-6; Os **11**, 9) a santidade de Deus esixe no pobo e na persoa unha vida pura e sen pecado.
**1**, 16 Lev **19**, 2.
**1**, 19 *Sen defecto nin tacha:* Son as dúas calidades do Año pascual en Éx **12**, 5.
**1**, 22 *Xa que a purificación*: lit. "xa que un día purificastes a vosa alma". O perfecto grego alude ao feito histórico da purificación ritual do bautismo e mais da fe. Estes efectos persisten na obriga de levar esta purificación a unha vida moral de amor mutuo.
*De corazón e con constancia*: unha variante probable le: "con corazón puro, isto é, con recta intención".
**1**, 23 Este v. dá outro motivo para esta vida nova de amor mutuo: a palabra de Deus é creadora (Xén **1**; Rm **4**, 17) e vivificadora (Feit **3**, 26; **14**, 3; Flp **2**, 17; St **1**, 18).
**1**, 24-25 Cita de Is **40**, 6-8, que desenvolve moi a fondo o pensamento de que é a palabra dinámica de Deus a que crea o novo pobo despois do desterro de Babilonia. Do mesmo xeito o Evanxeo é o que crea o novo pobo da comunidade de amor fraterno.
**2**, 2 O texto alude ao primitivo costume de darlles aos novos bautizados leite con mel no rito bautismal, co que se quería indicar o novo nacemento e a necesidade de seguir nutrindo a nova vida recibida coa doutrina cristiá máis fundada (cf 1 Cor **3**, 1s; Heb **5**, 12).
**2**, 3 Sal **34**, 9.
**2**, 4 *Pedra vivificadora*: lit. "pedra viva" (pedra que traballa, como din os canteiros de Pontevedra): Xesús Cristo resucitado ten o poder de darlle a todo aquel que se achega a el a posibilidade, o deber e a esixencia de ser pedra que traballa, que soporta unha carga –e non simples cachotes para encher– na construción do templo espiritual onde se exercita o novo sacerdocio.
**2**, 5 En oposición ás ofrendas materiais (comidas, incenso, xatos, años) do templo de Xerusalén ou do paganismo, as ofrendas espirituais de cristián son: a oración (Ap **8**, 3s; cf Sal **14**, 2), o amor cristián (Flp **2**, 17), unha vida cristiá (Rm **12**, 1), as loanzas a Deus (Heb **13**, 15), a conversión dos pagáns (Rm **15**, 16), o servizo apostólico e o martirio (2 Tim **4**, 6); a garantía de que se acollerán estas ofrendas espirituais é que se ofrecen xunto co sacrificio de Xesús Cristo (posible alusión á Eucaristía), que foi ben acollido (cf **1**, 20 s).
**2**, 6 O autor clarifica a súa doutrina dos vv. 4 e 5 cunha cita, adaptada, de Is **28**, 16 (cf Rm **9**, 33).
**2**, 7 Cita do Sal **118**, 22. A honra de Cristo comunícase aos crentes que fían nela, mentres que para os incrédulos é un cachote sen interese para a construción.
**2**, 8 A cita é de Is **8**, 14.

[9]Pero, en cambio, vós *sodes raza escollida, sacerdocio de reis, nación santa, pobo adquirido* por Deus, para pregoardes as marabillas daquel que vos chamou das tebras á súa luz admirable.

[10]Vós, os que antes *non erades pobo*,
agora sodes o *pobo de Deus*;
*ninguén se compadecía de vós*,
pero agora *atopastes quen se compadeza de vós*.

## DIVERSOS CONSELLOS

### Consellos ao pobo de Deus que vive entre pagáns

[11]Meus amigos, recoméndovos que, coma forasteiros e emigrantes que sodes, vos manteñades lonxe dos baixos desexos que loitan contra nós. [12]Entre os pagáns mantede un comportamento honrado, para que, aínda que vos calumnien polo voso comportamento coma malfeitores, ao veren as vosas obras boas, acaben por dar gloria a Deus, o día que El os visite.

[13]Sometédevos ante toda institución humana por mor do Señor, ora sexa o emperador, como soberano que é, [14]ou os gobernadores, como delegados seus, para castigar os malfeitores e premiar aos que fan o que está ben. [15]Porque isto é o que Deus quere: que portándovos ben, lle tapedes a boca á ignorancia dos estúpidos. [16]Isto facédeo como xente libre de verdade e non como quen toma a liberdade para tapar a ruindade, senón como servidores de Deus. [17]Tede consideración con todo o mundo, querede ben aos irmáns, respectade a Deus, honrade o emperador.

### Consellos para a vida en familia: os criados

[18]Os criados sometédevos aos vosos amos con todo o respecto; non só aos que son bos e comprensivos, senón tamén aos que son rigorosos, [19]pois o mérito está en que un, dándose conta de que Deus o quere, ature mágoas inxustamente sufridas. [20]Porque que mérito ten que aguantedes que vos enchan de labazadas por vos portardes mal? Pero, se vos portades ben e, mesmo así, aguantades sufrimentos, isto é precioso aos ollos de Deus.

[21]De feito chamouvos Deus para isto, porque tamén Cristo sufriu por vós, deixándovos así un exemplo para que sigades os seus pasos.

[22]*El, que non fixo pecado,*
*nin engano se atopou na súa boca*,
[23]cando o aldraxaban, non devolvía aldraxes; mentres sufría, non ameazaba, senón que se puña nas mans do que xulga con xustiza.

[24]No seu corpo, el *ofrendou* os nosos *pecados* sobre a cruz, para que nós, mortos ao pecado, vivamos para a xustiza: *curáronnos as súas chagas*.

[25]Erades *coma ovellas extraviadas*, pero agora volvéstesvos ao voso pegureiro e pastor.

### Consellos ás mulleres

**3** [1]No tocante ás mulleres, que se sometan aos seus homes; deste xeito, se algúns non cren na Palabra, sen necesidade de palabra ningunha poderanos gañar [2]polo bo xeito de vida por respecto ao Señor. [3]Que os vosos adornos non sexan os exteriores dunha trenza no pelo nin rodearvos de xoias de ouro ou vestirvos con variedade de vestidos; [4]senón

**2**, 9 O autor recolle unha serie de títulos do antigo Israel, que sen dúbida xa se atopaban nos florilexios catequéticos primitivos, e aplícallos á realidade do novo Israel, do que os destinatarios formaban parte. Os títulos están recollidos de Éx **19**, 5. 6 e Is **43**, 20. 21 (cf Ap **1**, 6; **2**, 6; **5**, 10). Para a última frase, cf nota a 1 Xn **1**, 5; cf tamén Feit 2**6**, 18; Col **1**, 12s.
*Adquirido por Deus*: ten unha connotación de "compra preferida".
**2**, 10 Todo o v. é un comentario eclesiolóxico aos nomes simbólicos dos fillos de Oseas (cf Os **1**, 6. 9; **2**, 1. 25; Rm **9**, 25).
**2**, 11 *Contra nós*: lit. "contra a alma".
**2**, 16 A submisión ás autoridades non é servilismo, senón expresión da liberdade interior do pecado e do egoísmo (Lc **4**, 9. 21; Xn **8**, 32; 1 Cor **7**, 22; 2 Cor **3**, 7) e do servizo a Deus. O cristián ha de servir aos homes, pero sen ser servo de ninguén, só de Deus; e deste servizo, libremente aceptado na fe, parte a súa libre actitude de servizo aos homes.
**2**, 18 *Con todo o respecto*: lit. "con todo temor", pero xa que se trata dunha fórmula relixiosa (cf **1**, 17; **2**, 17; **3**, 2), máis ben hai que concibilo como respecto. En **3**, 14 négase que o cristián deba terlle temor a ninguén.
**2**, 19-21 A moral do criado dun amo ríxido ha ser a mesma do Cristo sufrinte na paixón e na cruz. No paganismo o escravo era unha persoa sen dereitos, pero aquí o autor fala das "mágoas inxustamente sufridas", logo recoñécelles dereitos. Recoñece tamén que o seu comportamento moral nos sufrimentos inxustos debe ser coma o de Cristo, quen tomou a condición de escravo (Flp **2**, 7).
**2**, 22-25 Trátase dunha profesión de fe primitiva, inspirada en Is **53**, 4-9. 12, o cuarto canto do "Servo de Deus", xa usado para interpretar a paixón do Señor en Feit **8**, 32; Rm **4**, 25; 1 Cor **15**, 3; Flp **2**, 6-11.
**3**, 1 Cf Ef **5**, 22; Col **3**, 18; Tit **2**, 5.

que sexa a personalidade escondida dentro,
no corazón, co adorno indeformable dun espírito agarimoso e acougado; isto si que é
algo precioso aos ollos de Deus. 5Así tamén
se adornaban noutro tempo as santas mulleres que esperaban en Deus, someténdose aos
seus homes. 6Así obedeceu Sara a Abraham,
chamándolle "o meu dono". Vós, se facedes
o ben e non vos amedrentades por ningunha
alarma, é porque xa vos fixestes fillas de
Sara.

### Consellos aos homes

7No tocante aos homes, convivide coas vosas mulleres con comprensión, mostrándolles
o debido respecto, tal como se lle debe a un
ser máis feble e coma a herdeiras convosco
do don gratuíto da Vida: así seredes capaces
de rezar sen estorbos.

### Levarse ben

8En fin, andade todos de acordo e cos mesmos sentimentos, querédevos coma irmáns,
tede un corazón compasivo e un xeito humilde; 9non vos volvades mal por mal, nin insulto por insulto; ao contrario, devolvede bendicións, porque para isto vos chamaron: para
serdes herdeiros dunha bendición. 10Porque:

*Se un ama a vida*
*e quere ver días felices,*
*conteña a súa lingua do mal,*
*e os seus beizos de falar falsidades;*
11*escape do mal e faga o ben,*
*procure a paz e esfórcese por pillala.*
12*Pois a mirada do Señor fólgase nos xustos,*
*e os seus oídos atenden os seus rogos;*
*pero a cara do Señor anóxase*
*contra os que fan o mal*.

É bo sufrir, sendo honrados

13Ademais, quen sería capaz de vos facer
mal, se vós estivésedes afincados no ben?
14Pero, aínda supoñendo que tivésedes que
sufrir por serdes xustos, benaventurados
vós: *non lles teñades medo nin vos asustedes*. 15Ao contrario, para os vosos adentros
*adorade* a Cristo como *Señor*, estade sempre
dispostos a responder a todo aquel que vos
pida razón da esperanza que levades dentro.
16Pero respondede con bo xeito e con respecto; tede a conciencia limpa, de xeito que
os que desprezan o voso bo comportamento cristián, se vexan confundidos naquilo
mesmo de que vos calumnien. 17Pois sempre
sería mellor sufrir, se tal fose a vontade de
Deus, por facerdes o ben, que por facerdes
o mal.

### O exemplo de Cristo e a salvación polo bautismo

18Tamén Cristo morreu unha vez
polos vosos pecados,
o xusto polos pecadores,
para vos achegar a Deus;
sufriu a morte na carne,
pero recibiu vida no espírito.
19Foi daquela cando lles foi proclamar
a salvación
mesmo aos espíritos encadeados,
20que foran rebeldes,
cando, nos tempos de Noé,
Deus, cheo de paciencia,
estábaos agardando,
mentres se construía a arca:
dentro dela, uns poucos,
en total oito persoas,
salváronse pola auga;

**3**, 6 O autor chámalles aquí ás mulleres "fillas de Sara" no sentido de que forman parte do pobo crente, do que Abraham é o pai e modelo (Rm **4**, 1-25).
**3**, 7 A motivación fundamental do respecto do marido á súa muller ten que ser que os dous están chamados conxuntamente á vida que nos trae a fe. Nótese a recomendación da oración familiar para manter a familia unida e para a santa convivencia matrimonial.
**3**, 10-12 Cita do Sal **34**, 13-17, pero cunha interpretación cristiá.
**3**, 14 *Por serdes xustos*: lit. "pola xustiza", cf **5**, 10-11; Is **59**, 9.
**3**, 15 A cita é unha interpretación cristiá de Is **8**, 13: mentres que o Señor en Is é Iavé, en 1 Pe é Xesús Cristo.
**3**, 18-22 Trátase dun himno primitivo que alude á presenza do misterio salvífico da morte, resurrección e entronización de Cristo no bautismo cristián.
**3**, 18 *Carne*, oposta a espírito, significa a condición terreal da vida de Xesús. *Espírito* aquí non significa nin alma nin divindade, nin menos o Espírito Santo, senón o xeito de existencia vivificadora, o poder vivificador de Xesús Cristo resucitado (cf Rm **1**, 3-4; 1 Cor **15**, 45; Flp **3**, 10; 1 Tim **3**, 16).
**3**, 19 *Foi daquela*. Tamén se pode traducir: "nese espírito".
Os espíritos encadeados ou "encarcerados", segundo o v. 20, son unha alusión ao relato de fondo mítico de Xén **6**, 1-4, onde se fai proceder os xigantes míticos da unión sexual dos fillos dos deuses coas fillas dos homes. Para toda a tradición bíblica isto foi sinal da gran corrupción da humanidade, fronte á orde da creación, o que provocou o diluvio. Pedro sérvese desta lenda mítico-apocalíptica para ensinarnos unha verdade dogmática: a morte de Xesús é salvífica para todos os homes do pasado, do presente e do futuro e aínda para aqueles que non se esperaría. Este tema enlaza co da baixada de Xesús ao lugar dos mortos, expresión por unha banda da autenticidade da súa morte, e por outra, do cambio que a morte de Xesús provoca na morte dos xustos: transformación da morte en vida polo poder do seu espírito vivificante (cf Rm **10**, 7; Ef **4**, 8-10; Col **2**, 15; Heb **13**, 20).
**3**, 20 Con este tema enlázase o da Igrexa salvada a través da auga bautismal coa tipoloxía da arca de Noé: a salvación bautismal é obra de Xesús Cristo resucitado.

[21]esta auga simbolizaba o bautismo que vos salva a vós, non por ser unha limpeza do corpo lixoso, senón por ser o compromiso con Deus dunha conciencia honrada, pola mediación de Xesús Cristo resucitado, [22]que subiu ao ceo e está á dereita de Deus, despois que se lle someteron os anxos, os poderes e as forzas.

**O que sofre na carne, rompe co pecado**

**4** [1]Pois, xa que Cristo padeceu na súa carne, armádevos tamén vós da mesma idea: que quen sofre na carne, rompe co pecado, [2]de xeito que vivades o resto da vosa vida corporal para cumprirdes a vontade de Deus e xa non para satisfacer as paixóns humanas. [3]Pois o tempo pasado foi máis que de abondo para vivirdes vós en plan pagán, afeitos como estabades á luxuria e aos vicios, ás orxías, esmorgas, borracheiras e infames idolatrías. [4]E así estráñanse ao ver que non corredes con eles, coma de costume, a estragar cartos e á inmoralidade, e insúltanvos. [5]Xa darán contas a Aquel que está preparado para xulgar vivos e mortos; [6]pois para isto se lles predicou o Evanxeo mesmo aos mortos: para que, en recibindo na súa carne mortal a sentencia común a todos os homes, poidan vivir no espírito coa vida de Deus.

**Para o que falta, paga a pena sacrificarse polos outros**

[7]E, por outra banda, a fin de todo está cerca: polo tanto, tede control e regra con vós mesmos para poderdes rezar. [8]Antes que nada, esforzádevos no amor duns aos outros, *porque o amor tapa moitos pecados*. [9]Dádevos pousada uns aos outros sen murmurar. [10]Cada un esfórcese en servir aos outros cos seus dons, os que de Deus recibiu, como corresponde a bos administradores dos diferentes dons de Deus. [11]Quen fala, que sexa voceiro de Deus; quen sirva, que o faga coa forza que Deus lle dá, para que en todo Deus reciba gloria por medio de Xesús Cristo. A El pertencen a gloria e o poder polos séculos dos séculos. Amén.

## SEGUNDA PARTE

**Loar a Deus polas persecucións**

[12]Meus amigos, saíde do medo que vos deu o incendio que xurdiu entre vós, para vos poñer a proba, coma se vos viñese enriba algo estraño. [13]Máis ben alegrádevos, conforme ides tendo parte nos sufrimentos de Cristo, para que deste xeito, cando se manifeste a súa gloria, poidades tamén alegrarvos xubilosos. [14]Se se burlan de vós por serdes cristiáns, felicitádevos, porque o Espírito da gloria, isto é, o Espírito de Deus, permanece sobre vós. [15]Que ninguén de vós siga sufrindo por ser asasino ou ladrón ou mala persoa ou un entremetido; [16]pero, se sofre por ser cristián, que non teña vergonza, máis ben que loe a Deus polo título que ten. [17]Isto quere dicir que chegou o tempo do xuízo, comezando pola casa de Deus. Ora, se os seus principios en nós son así, cal será a fin dos que se rebelan contra o Evanxeo de Deus? [18]*Se caro lle custa ao xusto salvarse, que non será do impío e pecador!* [19]En conclusión: os que sofren conforme á vontade de Deus, facendo sempre o ben, encoméndense ao Creador que é fiel.

**4**, 6 Esta predicación aos mortos está en relación co xuízo universal: vivos e mortos serán xulgados segundo o Evanxeo e por isto Xesús Cristo na súa baixada en espírito á que se alude en **3**, 19, non só lles foi predicar o Evanxeo aos espíritos encadeados dos que fala o v. 20, senón aos mortos. No fondo o autor o que resalta é o universalismo dos feitos salvíficos de Xesús Cristo.

**4**, 7-11 Seguindo un tópico do N. T. o autor encabeza esta exhortación a unha vida sobria e moral co tema da proximidade da parusía de Xesús (cf Mt **24**, 45-**25**, 13; Mc **13**, 33-37; Lc **12**, 25-**13**, 20; Flp **4**, 5; Heb **10**, 25; St **5**, 8; 1 Xn **2**, 19; Ap **22**, 12).

**4**, 8 *O amor tapa moitos pecados*: é unha cita de Pr **10**, 12; o sentido que lle dá 1 Pe quizais dependa dun dito de Xesús Cristo (cf Mt **6**, 14s e Lc **7**, 47; St **5**, 20).

**4**, 12-19 Esta segunda parte trata dos sufrimentos do cristián polo só feito de o ser (cf **3**, 13-17). As comunidades procedentes do mundo xentil non comprenden como estando salvadas e sendo portadores da salvación, teñen que sufrir por isto mesmo.

**4**, 13 Nótese o forte que resulta a idea: os cristiáns perseguidos non só imitan a Xesús Cristo (**2**, 21) senón que participan dos seus mesmos sufrimentos, e deste xeito aseguran a participación na súa gloria (cf os textos, claramente paralelos, de Rm **8**, 17 e Flp **3**, 10).

**4**, 14 O autor recolle o pensamento de Mt **10**, 20 e exprésao na fraseoloxía de Is **11**, 2, construíndo deste xeito unha benaventuranza.

**4**, 16 Cf Feit **11**, 26. 28. O nome ou título *cristián* empezou polos anos 50 e debeuse estender moi axiña, de acordo cos testemuños dos historiadores romanos.

**4**, 17 O xuízo de Deus tamén é para a Igrexa: seguindo a tradición profética (Xer **25**, 29; Ez **6**, 9) e dos sinópticos (Mc **13**, 9), comeza polo pobo de Deus, tamén pecador.

**4**, 18 Cita de Pr **11**, 31 (LXX).

### Preocupación pastoral e obediencia na humildade

**5** [1]Aos responsables das vosas comunidades, exhórtoos eu, responsable coma eles, que fun testemuña dos padecementos de Cristo e que terei parte convosco na gloria que está para se manifestar: [2]coidade o rabaño de Deus, que está á vosa garda; mirade por el, non por pura obriga senón, como Deus quere, de boa gana; nin por baixos intereses de lucro senón porque vos agrada; [3]nin dándovolas de señores dos que se vos encomendaron, senón facéndovos exemplo para o rabaño. [4]Así, cando apareza o supremo Pastor, recibiredes a coroa da gloria, que nunca murcha.

[5]Tamén os mozos haberedes ser ben guiados cos responsables. No trato cos demais revestídevos todos vós dun pensar humilde, porque

*Deus oponse aos soberbios,*
*pero concédelles a graza aos humildes*.

[6]Por iso vós facédevos humildes, para estardes baixo a man poderosa de Deus, de xeito que El vos levante no intre oportuno.

[7]Botade sobre Deus todas as vosas ansias, que El coida de vós.

### Estar alerta, para vencer ao demo e servir a Deus

[8]Pero comede e bebede con regra. Alerta! Que o voso inimigo, o demo, bruando coma un león, anda ao arredor á procura de quen engulir. [9]Resistídelle firmes na fe, sabendo que os mesmos sufrimentos lles están reservados aos vosos irmáns en todo o mundo.

[10]Pois Deus, de quen vén toda a graza e que vos chamou por medio de Cristo á súa gloria eterna, despois dun pouco de sufrimento, El mesmo vos porá en forma, vos volverá firmes, fortes e vos dará estabilidade. [11]El ten poder polos séculos dos séculos. Amén.

### Despedida

[12]Do puño de Silván, irmán fiel –así o considero–, escribinvos esta pequena carta, para exhortarvos e asegurar que esta é a verdadeira graza de Deus. Afincádevos ben nela.

[13]A comunidade escollida coma vós, que vive en Babilonia, mándavos saúdos e tamén o meu fillo Marcos. [14]Saudádevos uns aos outros cun bico de irmáns. Paz a todos vós, os cristiáns.

**5**, 1 *Responsables*: lit. "presbíteros": son os responsables da comunidade nos aspectos administrativo (1 Tim **5**, 17) e cultual (St **5**, 14); nomeábanos os apóstolos viaxeiros (Feit **14**, 23).
**5**, 4 *O supremo Pastor* é Cristo (Mt **26**, 31; Lc **15**, 3-7; Xn **10**, 1 ss; 1 Pe **2**, 25): nótese a relación entre a función pastoral do Cristo resucitado, presente na vida da comunidade, e o Xesús Cristo xuíz, nomeado co mesmo título.
**5**, 5 A cita é de Pr **3**, 34, segundo os LXX.
**5**, 6 O tema do levantamento dos humildes que confían en Deus é un dos máis típicos da Biblia, xa que se enraíza no mesmo proceso da fe (cf, por exemplo, Mt **23**, 12; Lc **1**, 52; **14**, 11; **18**, 14; St **4**, 6. 10).
**5**, 9 Pedro usa un verbo que connota un sentido de servizo relixioso: eses sufrimentos son unha ofrenda grata a Deus.
**5**, 13 *A comunidade escollida*: lit. "a escollida". A palabra grega "syneklekté" úsase unicamente aquí en todo o N. T. Refírese á "Igrexa" desde onde escribe Pedro.

# INTRODUCIÓN Á SEGUNDA CARTA DE PEDRO

## 1. Os falsos mestres das comunidades destinatarias

*Do contido da carta dedúcese que o seu autor ve estas comunidades destinatarias axitadas por uns "falsos mestres" (**2**, 2), que, "con discursos arteiros" (**2**, 3) e cunhas actitudes de forte atrevemento, soberbia (**2**, 10) e burla de todo (**3**, 3), poñen en perigo a pureza da fe e dos costumes destas comunidades, maiormente a dos que se acaban de converter.*

*No campo dogmático "negan ao Señor que os rescatou" (**2**, 1), isto é, negan a obra redentora de Xesús Cristo e "desprezan a súa autoridade" (**2**, 10). Negan burlescamente a vinda escatolóxica do Señor (**3**, 3). Sen dúbida, a preocupación do autor da II Pedro reside nos temas de teoloxía da Biblia: inspiración, interpretación conforme á doutrina da tradición apostólica e ao canon dos libros inspirados (cf **1**, 20-21 e **3**, 15-16 e mais a reelaboración da carta de Xudas que se atopa no capítulo **2**; ten unha intención claramente dogmática en contra do libre exame dos textos sagrados, da negación da inspiración profética e da probable exclusión dalgúns libros bíblicos do canon e da inclusión doutros non recoñecidos pola Igrexa.*

*A moral destes falsos mestres caracterízase en **2**, 2 como o "camiño dos libertinos". Entenden a liberdade cristiá como a libertinaxe das paixóns sexuais (**2**, 13. 14. 19); a única moral son os caprichos propios (**3**, 3), para os que parecen organizar orxías especiais, transformando as comidas de irmandade dos cristiáns en actos de desenfreo (**2**, 13).*

*Case todos os comentaristas consideran que se denuncia un certo gnosticismo cristián: a moral cristiá sería algo superado pola gnose liberadora, e a salvación non se debería á obra histórica ou actual-sacramental de Xesús Cristo, senón á participación na divindade mediante o coñecemento.*

## 2. Xénero literario da II Pedro: testamento espiritual

*A primeira vista diríase que se trata dunha carta ao estilo das demais cartas do N. T. Contén incluso unha derradeira sección (**3**, 14-18) que se podería considerar como despedida. Ora ben, este tipo de despedida é do xénero literario chamado testamento espiritual (cf **1**, 13; **3**, 1). No século I a. C. puxéronse de moda entre os xudeus os testamentos de Abraham, Xob e Salomón e o dos Doce Patriarcas, escritos que os cristiáns reelaboraron e aos que lles tiveron gran apego. O mesmo N. T. fai uso deste xénero literario: así Xn **13**, 31-**17**, 26 ben se pode considerar como o testamento espiritual de Xesús; a mesma II Timoteo está fortemente influída por este xénero literario (cf 2 Tim **3**, 14-17; **4**, 6-8).*

## 3. O autor e a data

*A pesar de que en **1**, 1. 14. 16-18 se di que san Pedro foi o seu autor, o carácter de testamento espiritual deste escrito fai sospeitosa a paternidade de Pedro con respecto á carta. O mesmo texto confirma a sospeita: 1) En **3**, 4 o autor deixa claramente entender que a primeira xeración cristiá (os apóstolos e os contemporáneos deles) xa desapareceu. 2) O autor coñece xa a colección de todas as cartas de Paulo (**3**, 15-16), que morreu máis ou menos canda Pedro. 3) Durante a vida de Pedro non se comprende que os cristiáns se fagan problema co retraso da parusía, tema fundamental da carta e maiormente do capítulo **3**.*

*O autor utiliza no capítulo **2** a carta de Xudas, coa que ten grandes coincidencias e que segundo os críticos é un dos últimos escritos do N. T. Ten forte preocupación polo canon bíblico, como o deixa ver ao suprimir certa parte da carta de Xudas que este toma dos apócrifos xudeus (cousa que fai supoñer unha época un tanto serodia, na que este problema preocupaba). Tendo en conta que a morte de san Xoán a hai que situar preto do ano 100, II Pedro debeu de escribirse nos comezos do século II. Por outra banda dado que no século II deixou de ser problema o retraso da parusía, non se pode retrasar moito a súa composición: quizais arredor do 125 d. C.*

*A xulgar polo estilo literario, o autor foi un home con gran dominio do grego e dun grego arcaizante e moi culto: usa a miúdo termos descoñecidos para o A. T. e o N. T.; por outra banda, coñece ben o pensamento do A. T., o mesmo ca a "haggadá" (explicación teolóxica) xudía (c. **2**). Puido ser un discípulo de Pedro (será Marcos?).*

**4. Canonicidade e lugar de composición**

*Os testemuños máis antigos da canonicidade deste escrito véñennos de Exipto, de onde pasou a modiño a formar parte do canon das Escrituras santas.*

*Non debe ser problema a data nin a serodia inclusión no canon, xa que unha cousa é a inspiración divina do escrito e outra moi distinta o recoñecemento oficial da Igrexa, baseada esta no uso que dela facían as distintas comunidades e, no fondo, dirixida polo Espírito Santo.*

# SEGUNDA CARTA DE PEDRO

## Saúdo

**1** [1]Simón Pedro, servidor e apóstolo de Xesús Cristo, aos que tiveron a sorte de recibir unha fe de tanta estima coma a nosa, debido á xusta repartición de Xesús Cristo, noso Deus e Salvador: [2]que vos aumente a graza e a paz, ao irdes coñecendo mellor a Deus e a Xesús, noso Señor.

## O camiño do Reino de Xesús

[3]Ao coñecermos a Aquel, que nos chamou coa súa propia gloria e coa súa forza, o seu poder divino convidounos con todo canto precisamos para a vida e para a piedade.

[4]Con esa gloria e esa forza tamén nos convidou aos máis preciosos e mellores bens prometidos, para que por estes bens, fuxindo da podremia que o egoísmo produce no mundo, sexades partícipes da natureza de Deus. [5]Por iso mesmo, con toda a dilixencia, coidade fomentar coa vosa fe a virtude; coa virtude, o xuízo moral; [6]co xuízo moral, o dominio de vós mesmos; co dominio de vós, a constancia; e coa constancia, a piedade; [7]coa piedade, o agarimo de irmáns; e co agarimo, o amor.

[8]Pois ben, se xa sodes donos destas boas calidades e van en aumento en vós, non vos deixarán ser nugalláns e estériles para conseguirdes coñecer ao noso Señor Xesús Cristo. [9]Porque o que non as ten é un cego, que non ve de lonxe, xa que lle esqueceu a purificación dos seus pecados pasados. [10]Por isto, irmáns, esforzádevos cada vez máis en asegurarvos a chamada e a elección que se fixo de vós. Se obrades así, endexamais non fracasaredes, [11]pois deste xeito hásevos franquear a entrada no Reino eterno do noso Señor e Salvador Xesús Cristo.

## Finalidades da carta

[12]E así eu teimarei sempre en vos lembrar estas cousas, aínda que xa as coñecedes e estades firmes na verdade que recibistes. [13]Mentres vivo nesta tenda, penso que é o meu deber espelirvos cun testamento espiritual, [14]sabendo que logo teño que abandonar a miña tenda, como mostrou o noso Señor Xesús Cristo. [15]Coidarei, logo, de que, en toda ocasión, aínda despois da miña morte, vos poidades lembrar destas cousas.

## O testemuño do apóstolo e o da palabra profética

[16]Se vos demos a coñecer a vinda poderosa do noso Señor Xesús Cristo, non foi guiándonos por contos argallados con habilidade, senón porque fomos testemuñas oculares da súa grandeza. [17]Pois recibiu honor e gloria de parte de Deus Pai, cando desde a sublime Gloria lle chegou aquela voz tan especial: *Este é o meu Fillo, o meu predilecto, o Fillo do meu contento*. [18]Esta voz oímola nós vir do ceo, estando con el no monte santo. [19]Deste xeito temos confirmación da palabra profética, á que facedes ben en estardes atentos, coma un candil aceso en lugar escuro, ata que alborexe o día, e o luceiro da alba naza nos vosos corazóns.

**1**, 1 Aínda que no v. 2 se distingue a Deus (Pai) e a Xesús, aquí afírmase con toda claridade a divindade de Xesús Cristo.

**1**, 2 *Coñecendo mellor*: lit. "no perfecto coñecemento". O termo grego "epígnosis" é polémico, xa que a carta se dirixe contra as herexías gnósticas.

**1**, 3 Entre os críticos hai moitas diverxencias na comprensión e tradución deste v.: algúns refireno todo a Deus, outros a Xesús Cristo; uns xuntan a fórmula "coa súa propia gloria" a "convidounos", e outros a "nos chamou".

**1**, 4 *Sexades partícipes da natureza de Deus*. Esta fórmula, tomada da filosofía e relixións gregas, expresa o mesmo ca a comuñón do home con Deus (1 Xn **1**, 3), que é puro don gratuíto e obra de Xesús Cristo.

**1**, 5-7 Esta exhortación moral parte dun suposto dogmático e por este motivo, aínda que o catálogo de virtudes destes vv. teña moitos paralelos no helenismo, o seu sentido é claramente bíblico.

**1**, 13 A imaxe da tenda (de pegureiros, de pastores) indica o carácter provisorio e de camiño da nosa vida neste mundo (cf 2 Cor **5**, 1-5); por isto escríbelles este testamento espiritual, tan de moda no cristianismo e xudaísmo destes tempos (cf Introd.).

**1**, 15 A finalidade de servizo dos escritos para os cristiáns, despois da morte do autor, é algo novo na literatura do N. T., que foi unha literatura ocasional ou cunha finalidade práctica (liturxia) e inmediata. Esta idea é reflexo de que, na época en que foi escrita a 2 Pe, a literatura cristiá xa tiña utilidade e uso na vida da comunidade.

**1**, 16 *Contos argallados con habilidade*: lit. "mitos sofisticados": non se refire aos mitos gregos, senón ás diversas emanacións de "eóns" da doutrina gnóstica.

**1**, 17-18 Cf Mt **17**, 1-5 e paralelos: a transfiguración de Xesús é un testemuño histórico do seu carácter divino e do poder que mostrará na Parusía.

**1**, 19 A mesma transfiguración de Xesús testemuña a autenticidade da gloria mesiánica das profecías do A. T., que se cumprirán na escatoloxía final. Nótese que aquí a escatoloxía se entende como escatoloxía individual.

[20]Antes que nada, dádevos conta disto: que ningunha profecía da Escritura é obxecto de interpretación privada. [21]Porque ningunha profecía se fixo por proxecto de home senón que, sendo homes, falaron de parte de Deus, levados polo Espírito Santo.

## OS FALSOS MESTRES

### Denuncia dos falsos mestres

**2** [1]O mesmo que houbo no pobo xudeu profetas falsos, tamén haberá entre vós falsos mestres, que meterán arteiramente herexías perniciosas; ao negaren ao Señor que os rescatou, carrexan para si unha rápida perdición. [2]Moitos, extraviándose, seguirán o camiño dos libertinos e por culpa deles maldicirase o camiño verdadeiro. [3]Pois, por cobiza, hanvos explotar con discursos arteiros: a sentenza que merecen xa hai tempo que non folga; e a perdición que lles vén enriba non está a durmir, de certo.

### Condena dos pecadores e salvación dos xustos

[4]Pois Deus non perdoou aos anxos que pecaron, senón que os botou aos alxubes escuros do inferno, gardándoos alí para o xuízo. [5]Tampouco non lle perdoou ao mundo antigo, senón que, cando mandou o cataclismo a aquel mundo de impíos, soamente gardou seguras a oito persoas con Noé, o pregoeiro da xustiza; [6]e condenou as cidades de Sodoma e Gomorra volvéndoas cinsa, deixando deste xeito e para sempre un escarmento para os impíos. [7]Pero librou o xusto Lot, atormentado polo comportamento lascivo daquela xente sen decencia, [8]pois como era un home xusto, co que lles vía e lles oía aos homes entre os que vivía un día e outro día, doíanlle na súa alma santa aquelas accións inicuas.

[9]Deste xeito o Señor sabe ben como librar da proba os homes piadosos; e, en troques, tamén sabe gardar para o día do xuízo os culpables, que xa van ser castigados, [10]maiormente os que van tras dos desexos impuros da carne e os que desprezan a autoridade do Señor. Ousados, pagados de si, destemidos, maldicen os Seres Gloriosos, [11]cando nin os mesmos anxos, con seren maiores ca eles en forza e poder, non se atreven a lles botar unha maldición diante do Señor. [12]Pero esa xente, coma animais irracionais, nacidos e destinados para que os cacen e os maten, por maldiciren o que nin sequera coñecen, morrerán cunha morte coma a destes animais. [13]Recibirán así a paga dos seus erros, xa que pensan que a felicidade consiste en andar de esmorga en pleno día.

### Denuncia dos pecados na comunidade e contra ela

Que noxo e que vergonza, cando, comendo convosco, se enzoufan nos seus praceres! [14]Os seus ollos non se enchen de adulterar nin se cansan de pecar; andan á caza dos que se acaban de converter, coñecen todas as mañas da cobiza, naceron para a maldición. [15]Ao deixaren o camiño dereito, extraviáronse, seguindo o camiño de Balaam, fillo de Bosor, quen cobizou a paga por profetizar cousas inxustas; [16]pero tivo quen lle botase na cara o seu pecado: unha burriña sen fala falou con voz de home e parou a loucura do profeta.

[17]Son coma fontes secas, nubes mouras empurradas por unha tormenta: a negra escuridade está gardada para eles. [18]Pois con discursos que soan moi ben pero que non din cousa ao caso e aproveitando as paixóns lascivas da carne, cazan aos que hai pouco se apartaron dos que vivían no erro. [19]Prométenlles liberdade, eles que son escravos da

**1**, 20-21 Do feito da inspiración literaria do profeta deduce o autor que a libre interpretación da Biblia que facían os gnósticos non ten razón de ser nin é xusta.
**2**, 1-**3**, 3 É un texto paralelo da Carta de Xudas (4-18).
**2**, 1 Os falsos profetas do A. T. (Is **28**, 7-13; Xer **3**, 13; Ez **13**) corresponden na Igrexa aos mestres da mentira, xa que o profetismo do N. T. é maxisterio (1 Cor **14**, 29s; Ef **2**, 20).
**2**, 4 Cf nota a 1 Pe **3**, 19 e 1 Henoc **19**, 21.
**2**, 5 *Oito persoas*: lit. "a Noé o oitavo". O 8 é o número da semana cristiá: o autor fai de Noé o prototipo do Cristo pascual, pregoeiro da salvación que se realiza pola fe nel e pola Eucaristía.
**2**, 9 O autor saca a conclusión da exposición histórica e aplícalla á situación da Igrexa do seu tempo: Deus castigou e segue castigando.
**2**, 10 Este desprezo á autoridade do Señor consiste no desprezo dos seus mandamentos (**2**, 2) e en negar ao Señor que os rescatou (**2**, 1).
*Seres Gloriosos*: reciben múltiples interpretacións: os anxos bos, os malos (Xén **6**, 1-5), algún tipo de potencias celestes. Tamén poden ser os xefes das comunidades cristiás, que teñen a gloria da presenza salvífica de Xesús.
**2**, 13 As esmorgas durante o día considéranse en Is **5**, 11 e Eclo **10**, 16 un escándalo xa que a comida principal nestes tempos era de noite.
**2**, 15 Cf Núm **22**, 7; Xds 11; Ap **2**, 14. Alusión a Balaam, profeta á soldada de Balac, rei dos moabitas.
*Fillo de Bosor* parece ser un xogo de palabras (paronomasia) por Beor (fillo da carne).

corrupción –porque o que nos vence, escravízanos–. [20]Se os que se libran das inmundicias do mundo, grazas a coñeceren ao noso Señor e Salvador Xesús Cristo, se deixan enlizar e vencer de novo polas mesmas inmundicias, o seu final vénlles ser peor do que o principio. [21]Máis lles valía non coñecer o vieiro da xustiza, antes que, de coñecido, volverse atrás do cumprimento da santa doutrina que se lles entregou. [22]Pasoulles o daquel atinado: *O can que vomitou, o vómito papou*; e aqueloutro: "Porca lavada envórcase no bulleiro".

## A VOLTA DO SEÑOR Á FIN DO TEMPO

### Aínda que se demore, a Parusía chegará

**3** [1]Meus amigos, esta xa é a segunda carta que vos escribo; nas dúas quero avivecer o voso espírito sincero cun testamento espiritual, [2]para que vos acorden as palabras que en tempos dixeron os santos profetas e o mandamento do Señor e Salvador, que vos transmitiron os vosos apóstolos.

[3]Antes de nada, tede presente que nos derradeiros días virán uns que farán riso de todo e que se comportarán segundo os seus propios antollos. [4]Estes dirán: "Que queda da promesa da súa volta? Pois desde que morreron os nosos pais, todo segue igual que estaba desde o principio do mundo". [5]Pero así esquécense adrede de que o ceo existe desde antigo e de que, pola palabra de Deus, a terra se formou da auga e subsiste mediante a auga. [6]E por isto o mundo de entón pereceu alagado na auga. [7]En canto ao ceo e mais á terra actuais, a mesma palabra os ten reservados para o lume e gárdaos para o día do xuízo e da perdición dos impíos.

### Sentido desta demora e conseguintes esixencias de santidade no cristián

[8]Meus amigos, que non vos esqueza unha cousa: que para o Señor un día élle coma mil anos; e mil anos sonlle coma un día. [9]Non está retrasando Deus o cumprimento do que prometeu, aínda que algúns o crean así: o que pasa é que ten paciencia convosco, porque non quere que ninguén pereza senón que a todos lles dea tempo a se converteren. [10]Máis ben o día do Señor virá coma un ladrón: daquela os ceos desaparecerán con estrondo; os elementos disolveranse abrasados de calor, e a terra e todas as obras que hai nela nin se atoparán.

[11]Xa que todo isto se ha disolver desta maneira, con que santo xeito e prácticas de piedade tedes que vivir [12]mentres esperades e suspirades pola chegada do día de Deus! Porque é neste día cando os ceos incendiados se han disolver e os elementos abrasados de calor se han derreter. [13]Pero nós, conforme á súa promesa, esperamos un ceo novo e unha terra nova, onde exista a xustiza.

**2**, 22 O primeiro refrán está tomado de Pr **26**, 11, onde se aplica aos estúpidos; e o segundo está tomado da cultura popular: os herexes volven á mesma situación de escravitude dos seus vicios de antes da conversión.

**3**, 3 Cf Dn **8**, 27; **12**, 4. 11; Mt **24**, 11s. 24; 1 Tim **4**, 1-3; 2 Tim **3**, 1-5.

**3**, 4 Aínda que en xeral a expresión "os nosos pais" se refire ás pasadas xeracións que recibiron as promesas, aquí parece referirse á xeración anterior (cf Mt **24**, 34), é dicir, a xeración contemporánea de Xesús Cristo.

**3**, 5 Aquí enténdese a terra en contraposición ao ceo, como o conxunto de todo o que hai na terra: a terra formouse da auga lamacenta inicial (separación do mar e da terra de Xén **1**, 9s), e as cousas que constitúen a terra (plantas e animais) subsisten grazas á auga.

**3**, 6 *Por isto*: lit. "por estas/es". Pode referirse á palabra de Deus e mais á auga; ou, segundo outros, ás "augas superiores" e ás "augas inferiores". Nin se debe excluír a hipótese de que se refira a "estes homes", é dicir: "por culpa destes", que, entón como agora, pensan así.

**3**, 7 A mesma palabra de Deus, creadora e destrutora no diluvio, sostén o mundo que camiña cara á súa destrución; e reserva a destrución do mundo polo lume (Is **33**, 11s; Xl **2**, 3; Zac **12**, 6) para facer dela o castigo dos impíos. Advírtase que as ideas cosmolóxicas son as daquel tempo e que, servíndose delas, constrúe o autor esta grandiosa imaxe do poder de Deus e da súa palabra.

**3**, 8-9 Estes vv. dan resposta ao problema do v. 4. A grandeza de Deus fai que a súa medida do tempo non sexa a nosa, o que o autor expresa con palabras do Sal **90**, 4 (v. 8); o retraso da Parusía é un reflexo da paciencia misericordiosa de Deus, que espera a nova conversión, idea común ao A. T. e ao N. T. (cf Éx **34**, 6; Núm **14**, 18; Sal **85**, 15; Eclo **2**, 11; Xl **2**, 13; Xon **4**, 2; Mt **18**, 26. 29; Rm **2**, 4; **9**, 22; 1 Pe **3**, 20).

**3**, 10 A imaxe do ladrón, que aparece xa en Mt **24**, 43; Lc **12**, 39 (cf 1 Tes **5**, 2; Ap **3**, 3; **16**, 15), expresa o carácter repentino e inesperado da vinda do Señor (Is **13**, 6; Xer **32**, 19; Am **5**, 18). As demais expresións son típicas destas descricións apocalípticas (cf Is **34**, 3; Xl **4**, 15; Mc **13**, 25; Ap **6**, 12), e neste mesmo sentido se han entender.

**3**, 11-12 A exhortación a unha vida sa é típica deste contexto (cf Mt **24**, 42 e parl.; 1 Tes **5**, 6); a santidade de vida adiantará a vinda do Señor (cf Mt **6**, 10).

**3**, 13 Máis alá da destrución cósmica hai a nova creación escatolóxica: o mundo novo, descrito cunha forte sobriedade e sen imaxes mítico-apocalípticas. O xusto e mais a xustiza serán os veciños deste novo mundo (cf Is **65**, 17; **66**, 22; Ap **21**, 5).

**Derradeiras recomendacións**

[14]Por iso, meus amigos, mentres agardades isto, collede a peito que El vos atope en paz, sen tacha nin defecto. [15]Tede por seguro que a paciencia do noso Señor é sinal de salvación, como xa o noso benquerido irmán Paulo volo escribiu co saber que Deus lle deu. [16]El fala diso en todas as cartas. Aínda que nelas hai algunhas cousas difíciles de entender, que a xente ignorante e pouco firme interpretan retorcidamente para a súa propia ruína, como fan co resto das Escrituras.

[17]Polo tanto vós, meus amigos, ben avisados, estade en vela, para non perderdes a vosa firmeza, arrastrados polo erro de xente sen conciencia. [18]Non: vós crecede na graza e no coñecemento do noso Señor e Salvador, Xesús Cristo. A el sexa a gloria, agora e deica o día eterno.

Amén.

**3**, 14 *A paz*, que inclúe a fartura, indica o conxunto dos bens mesiánicos.
**3**, 15 Parece que 2 Pe alude aquí a unha carta concreta dirixida aos seus destinatarios; pero non se sabe a cal: trata do tema en Rm **13**, 11-14; 1 Cor **7**, 29-32; 2 Cor **5**, 6-10; Ef **4**, 30s; Flp **2**, 15s; Col **3**, 4; 1 Tes **5**, 4-11; 2 Tim **3**, 1-5; Tit **2**, 12-14.
**3**, 16 Co nome das *Escrituras,* o autor indica o A. T., ao que equipara todas as cartas de Paulo, que naquel entón xa se consideraban parte do canon de libros inspirados, á par do A. T.

# INTRODUCIÓN ÁS CARTAS DE XOÁN

## A. PRIMEIRA CARTA

### 1. Influxos literarios e doutrinais

1.1. *Non hai dúbida de que, aínda que Xoán quere combater aos gnósticos cristiáns, faino aceptando a súa linguaxe: combate a mística gnóstica cunha mística netamente cristiá e deste xeito chega a probar a inferioridade da mística gnóstica en confrontación coa cristiá. Expresións como "nacer de Deus" (**2**, 29; **3**, 9-10; **4**, 7; **5**, 1-4); "vir de Deus" (**4**, 3-4. 6); "ser fillos de Deus" (**3**, 1-2); "estar con Deus" (lit. estar en Deus) (**2**, 5); "permanecer en Deus", "permanecer no Fillo" (**2**, 6. 24. 27. 28; **3**, 6. 24; **4**, 15-16); "permanecer na luz" (**2**, 10); "ter o Pai" (**2**, 23); "ter o Fillo" **5**, 12); "ter a vida" (**5**, 12-13); "coñecer o Pai", "coñecer a Deus"... (**2**, 3-4. 13. 14; **3**, 2. 6; **4**, 6. 7; **5**, 20); "velo" (a Deus) (**3**, 6), pertencen á terminoloxía da gnose, aínda que para san Xoán non son máis ca formas de expresión da experiencia.*

1.2. *Outro dos influxos lingüísticos de 1 Xn é o xudaísmo palestino (cf notas a **3**, 11-12) e a mística de Qumrân: expresións como "practicamos o que cremos" (lit. "camiñamos na verdade", **1**, 6), "o espírito da verdade" (**4**, 6), "a rebeldía" ou "iniquidade" (**3**, 4); as oposicións entre Deus e o mundo (**4**, 4-6), a luz e as tebras (**1**, 6-7; **2**, 9-11), a verdade e a mentira (**2**, 21. 27) aparecen tamén na Regra da Comunidade de Qumrân. O dualismo de Xoán non é metafísico e cosmolóxico como o dos gnósticos, senón moral e escatolóxico, isto é, un estar de parte de Deus ou contra Deus e sempre aberto á posibilidade de conversión.*

1.3. *Outra fonte de influxos doutrinais en I Xoán son as catequeses bautismais: así a miúdo fala do "que oíron" (**2**, 7. 18. 24; **3**, 11; **4**, 3), a fórmula netamente alusiva a esta catequese: "os vosos comezos" (**1**, 1; **2**, 7. 13-14. 24; **3**, 8. 11), o uso das formas "sabemos", "sabedes" (**2**, 20-21; **3**, 2. 5. 14. 15; **5**, 18. 19-20), a expresión "profesar a fe" (**2**, 22-23; **4**, 2-3. 15), a palabra alusiva a esta catequese: "unción" (**2**, 20. 27).*

### 2. Contido e estrutura

2.1. *Esta carta desenvolve unha serie de criterios de auténtica mística cristiá, de comuñón con Deus ou de vida cristiá.*

2.2. *A grandes trazos, a estrutura pode ser a seguinte:*

*a) Proemio: 1, 1-4;*

*b) Primeira parte: Quen está unido a Deus, camiña na luz: **1**, 5-**2**, 17;*

*c) Segunda parte: Situación da comunidade naquel momento: **2**, 18-**3**, 24;*

*d) Terceira parte: Os que son de Deus e os que son do mundo: **4**, 1-**5**, 12;*

*e) Remate da carta: **5**, 13-21.*

## B. SEGUNDA CARTA

*A diferenza da primeira, trátase dunha verdadeira carta do Presbítero a unha comunidade cristiá, nomeada como "a señora elixida". Refírese a unha das comunidades cristiás de Ásia Menor, que depende dos coidados pastorais de Xoán.*

*A fe destes cristiáns encóntrase axitada por culpa da presenza entre eles duns sedutores que negan a encarnación de Cristo (v. 7) e, con afán de modernismos, deixan a un lado a doutrina cristiá (v. 9). Xoán quere poñer á espreita a comunidade ante este perigo para a súa fe.*

*Esta carta, por outra parte, non presenta doutrina especial que non se atope xa tratada en I Xoán.*

## C. TERCEIRA CARTA

*Trátase dunha carta do apóstolo Xoán a un cristián, Gaio, que pertence a unha das comunidades que dependen del. Gaio é de boa posición económica, fiel á doutrina recibida na catequese bautismal (v. 3). Pero vive nunha comunidade dominada por un tal Diotrefes, que nin acepta o Apóstolo nin a doutrina que este lles expuxera nunha carta (posiblemente a II Xoán), que o critica con dureza (v. 9), que non acepta os misioneiros que o Apóstolo manda a estas comunidades e que lanza verdadeiras excomuñóns a aqueles cristiáns que lles dan pousada (v. 10). Con toda seguridade o problema de Diotrefes é, cando menos, unha certa contaminación de gnosticismo, que el sostén e quere impoñer á comunidade; a afirmación do v. 11 "quen obra mal endexamais non viu a Deus" é unha alusión ás pretensión gnósticas de ver a Deus, cousa que o autor nega por motivos de fe.*

*Foi Gaio quen lles deu pousada aos misioneiros (v. 5) e quedaría expulsado da comunidade (v. 10). Estes misioneiros ambulantes informaron a Xoán da situación. Xoán agradécelle agora a Gaio o seu comportamento con estes irmáns misioneiros (v. 5), anímao a seguilos hospedando e fornecendo para a viaxe (v. 6) e recórdalle a obriga que ten de colaborar no anuncio da verdade.*

# PRIMEIRA CARTA DE XOÁN

### Himno do comezo

**1** [1]O que pasou desde o comezo,
o que temos oído,
o que teñen visto os nosos ollos,
o que contemplamos nós
e palparon as nosas mans,
a saber, a Palabra que é a vida
[2]–porque a vida manifestouse
e nós vímola e damos testemuño dela,
e anunciámosvola a vós: a vida eterna,
que estaba na intimidade do Pai
e que se nos amosou a nós–:
[3]iso que temos visto e oído
agora tamén volo anunciamos a vós,
para que tamén vós teñades parte connosco,
pois compartir connosco
é compartir co Pai
e co seu Fillo Xesús Cristo.
[4]Escribímosvos isto
para que a nosa alegría sexa ben cumprida.

### Primeiro criterio de vida cristiá: Deus é Luz, debemos vivir na Luz

[5]Esta é a mensaxe que lle temos oído a El e que agora vos anunciamos a vós: que Deus é Luz e que nel non hai escuridade ningunha. [6]Se aseguramos que estamos en comuñón con El e vivimos na escuridade, mentimos e non practicamos o que cremos. [7]Pero se nós vivimos na Luz, do mesmo xeito que El está na Luz, entón estamos en comuñón uns cos outros e o sangue de Xesús, o seu Fillo, estanos purificando de todos os pecados.

[8]Se dicimos que non temos pecado, desviámonos e non temos en nós a verdade.

[9]Se recoñecemos publicamente os nosos pecados, fiel e xustificador é Deus; El perdoaranos os pecados e limparanos de toda ruindade.

[10]Se dicimos que endexamais non pecamos, estamos facendo de Deus un mentireiro e non podemos ter connosco a súa revelación.

**2** [1]Meus filliños, escríbovos estas cousas para que non pequedes; pero, se algún peca, temos quen nos defenda diante do Pai: Xesús Cristo, o xustificador. [2]El é quen expía os nosos pecados, e non só os nosos, senón tamén os de todo o mundo.

### Segundo criterio: cumprir cos mandamentos, maiormente o do amor

[3]Sabemos que o coñecemos de verdade polo feito de que cumprimos cos seus man-

**1**, 1-4 Esta "encíclica" de Xoán, dirixida ás súas igrexas de Asia Menor, a falta dos habituais saúdos, comeza directamente cun himno (cf Rm **1**, 17; 1 Cor **1**, 4-8; 2 Cor **1**, 3-7; Gál **1**, 1-5; Ef **1**, 3-14; Col **1**, 15-20; Tit **1**, 1-4). O tema, no fondo, é o mesmo ca o das cartas de Paulo: o plan salvífico de Deus.

**1**, 1 *Desde o comezo*: probablemente cómpre entender a fórmula como o comezo da experiencia salvífica de Xoán no seu contacto con Xesús Cristo, e dos cristiáns da súa escola coa mensaxe cristiá (cf **2**, 7; **2**, 13-14; **2**, 24; **3**, 11; 2 Xn 5-6). Certo que pode referirse tamén ao comezo da humanidade, coma no prólogo do evanxeo (Xn **1**, 1).

**1**, 1-2 Nótese o ritmo crecente dos verbos cara a unha máis profunda experiencia de fe (cf Xn **1**, 4; **11**, 25-26). Queren destacar a realidade física do Xesús Cristo encarnado, contra as nacentes herexías gnósticas, ao mesmo tempo que lexitiman o testemuño do v. 2.

**1**, 3 A proclamación de Xesús Cristo, Palabra e Vida, recibida con fe, crea a comunidade, crea unha solidariedade (Xn **17**, 20-21) entre as testemuñas auténticas (os apóstolos) e os fieis. A Igrexa (cf **4**, 14) fundaméntase neste compartir con Deus e deste xeito é o instrumento da súa extensión.

**1**, 5 *A Luz* enténdese como un ámbito de presenza salvífica de Deus, ao que se chega pola aceptación da verdade revelada (cf Xn **8**, 12), que no fondo é o mesmo que o ter parte co Pai e co Fillo, do v. 3 (cf **14**, 17; **17**, 6s).

**1**, 6 *A escuridade* (cf Xn **8**, 12) é o conxunto de actitudes opostas á verdade revelada en Xesús Cristo. Vivir na escuridade é vivir nesta oposición á verdade, deixándonos guiar polo Demo, pai da mentira.

**1**, 8 Sen dúbida é unha corrección dos desvíos doutrinais gnósticos dalgúns membros destas comunidades cristiás. Segundo eles o home ao chegar á gnose a unión con Deus xa é impecable (v. 10), aínda que a súa vida sexa inmoral. A realidade cristiá é ben outra: parte do recoñecemento dos seus pecados e logo, movido pola fe no Deus fiel ás súas promesas de perdón, atopa nel, por medio de Xesús Cristo, a purificación (v. 9).

**2**, 1 *Filliños*: fórmula usual nesta carta (**2**, 12. 28; **3**, 7-18; **5**, 21), reflexo do tenro amor pastoral de Xoán, xa vello, ás súas igrexas de Asia Menor.

*Quen nos defenda*: lit. "paráclito". No grego non bíblico é todo aquel que testemuña no xuízo a favor do reo; en Xn **14**, 16; **15**, 26; **16**, 7 refírese ao Espírito Santo, que virá axudar os fieis nas súas dificultades; aquí refírese a Xesús Cristo, que intercede diante de Deus e que nos xustifica dos nosos pecados (Rm **8**, 34; Heb **7**, 25). Esta concepción da carta primeira é máis primitiva, xa que no 4.º Evanxeo dise "outro paráclito". Nótese o carácter escatolóxico da expresión: estamos xa no xuízo de Deus, no que Xesús Cristo intervén como defensor e perdoador noso.

**2**, 2 Cf **4**, 10. A expresión alude a **1**, 7; é outra forma, ao xeito do A. T. e N. T., de expresar o sentido redentor da morte de Xesús Cristo: proba do amor de Deus e de que está disposto a nos perdoar os pecados.

**2**, 3 Non se trata dun coñecemento intelectual, senón, máis ben do concepto bíblico de coñecer, dunha relación persoal, de compartir a propia intimidade (cf Xer **31**, 34; 1 Xn **2**, 13-14; **4**, 16). Xa o A. T. une o coñecemento de Deus co cumprimento dos seus mandamentos (cf Os **4**, 1-3; **6**, 4-7; Xer **2**, 8; tamén en Xn **13**, 35; **14**, 21-24). Esta doutrina oponse radicalmente aos gnósticos, que separan da vida moral o coñecemento relixioso e salvífico.

damentos. [4]O que di: "Eu coñézoo" pero non
cumpre cos seus mandamentos, é un mentireiro e non ten en si a verdade revelada.
[5]Quen garda a súa Palabra, nel o amor de
Deus chega de verdade ao máximo: nisto é
onde coñecemos que estamos con El. [6]Quen
di que permanece en comuñón con El, ten
que comportarse como Xesús se comportou.
[7]Meus amigos, non vos comunico un mandamento novo senón un mandamento antigo,
que xa tiñades desde o comezo: este mandamento antigo é a Palabra que daquela escoitastes. [8]E, con todo, comunícovos un mandamento novo: esta novidade é verdadeira, sexa
polo que a Xesús toca, sexa polo que vos toca
a vós, porque a escuridade vai desaparecendo
e brilla xa a luz verdadeira.
[9]Quen di que está na Luz pero odia a seu
irmán, aínda está na escuridade.
[10]Quen ama a seu irmán, está na Luz e nel
non hai nada que o faga tropezar.
[11]En troques, quen odia a seu irmán está
na escuridade e camiña na escuridade e, por
isto, non sabe a onde vai, porque a escuridade lle cegou os ollos.

### A verdadeira comuñón con Deus

[12]Dígovos, meus fillos,
que os vosos pecados están perdoados
por mor do seu nome.
[13]Dígovos, pais,
que vós tedes o coñecemento daquel,
que é desde o comezo.
Dígovos, mozos,
que vós vencestes ao Maligno.
[14]Díxenvos, por tanto, meus filliños,
que vós tedes o coñecemento do Pai.
Díxenvos, por tanto, pais.
que vós tedes o coñecemento
daquel que é desde o comezo.
Díxenvos, por tanto, mozos,
que vós sodes valentes,
que a Palabra de Deus está dentro de vós,
e que por isto vencestes ao Maligno.
[15]Non lle queirades ben ao mundo nin ao
que hai nel. O amor do Pai non pode estar en
quen lle queira ben ao mundo. [16]Porque todo
o que hai no mundo –as inclinacións ao mal,
os ollos que endexamais nunca se enchen e
o orgullo que dá ter moitos cartos– non vén
do Pai, senón que vén do mundo. [17]Porque
o mundo pasa e as súas cobizas tamén, pero
quen cumpre coa vontade de Deus, permanece para sempre.
[18]Meus fillos, estamos na hora derradeira.
Conforme oístes, tiña que vir o Anticristo;
ollade que xa están aquí moitos anticristos: por
isto sabemos que estamos na hora derradeira.
[19]Os anticristos saíron dos nosos, aínda que
eles non eran dos nosos. Se fosen dos nosos
habían quedar connosco; pero non, eles saíron
para deixar ver que non todos son dos nosos.

**2**, 5 A expresión *o amor de Deus* parece deixada a propósito nunha indeterminación, de forma que inclúe o amor de Deus a nós e a nosa resposta de amor ao amor de Deus.
**2**, 7 Xoán insiste na fidelidade á tradición, o mesmo ca en **1**, 1; **2**, 13. 14. 24; de xeito que ao mandamento do amor chámalle antigo, porque os fieis xa o coñecen desde que coñeceron a Xesús Cristo.
**2**, 8 Este v. insiste no carácter escatolóxico do mandamento novo (Xer **31**, 31; Ez **36**, 26ss): ao revelar Xesús Cristo o amor do Pai (**4**, 8-10), a historia da salvación chegou ao último (escatoloxía); e ao vivir a comunidade cristiá este amor, iso vólvese sinal dos tempos novos e definitivos.
**2**, 9-11 Estes tres vv. en paralelismo antitético expresan o dinamismo do amor cristián: o amor acrecenta a propia fe, mentres que o odio, naquel que xa ten a luz da fe, cega esta mesma fe que tiña e que o debía levar á comprensión.
**2**, 12 *Dígovos*: lit. "escríbovos" (en todo este contexto o autor usa a palabra escribir). Dos tres grupos (fillos, pais, mozos) só os dous últimos indican unha categoría concreta de xente; *fillos* é un termo xeral na carta para indicar a todos os cristiáns (cf nota a **2**, 1). Esta tripla distinción parece que se funda en Xer **31**, 34.
*Por mor do seu nome*: o nome, para o semita, é o que unha persoa é, o seu poder, o seu ser, é dicir: "por mor do que Xesús é".
**2**, 13 Cf nota a **1**, 1. O contexto de fe, vitoria sobre o Maligno pola fe, purificación dos pecados é ben semellante ao de **1**, 1.
A vitoria sobre o Maligno, que lle cadra ben ao mozo, é unha das características dos tempos escatolóxicos (1 Cor **15**, 24s); na fe xa se realiza a escatoloxía. Xesús Cristo venceu ao Maligno, o príncipe deste mundo (Xn **12**, 31; **16**, 11): e a nosa unión vital con el –o feito de que a Palabra de Deus está dentro de nós (v. 14)–, asócianos a esta súa vitoria.
**2**, 14 Este v. é unha repetición, para remachar o anterior.
**2**, 15 O mundo para Xn non é nin o mundo material nin os homes, senón o conxunto de forzas malignas que nos apartan do cumprimento da vontade de Deus. Como explica o v. 16, non é algo fundamentalmente exterior a nós mesmos: é algo que levamos dentro, o consumismo desordenado, os afáns de poder e de diñeiro.
**2**, 17 Cf 1 Cor **7**, 31.
**2**, 18 *A hora derradeira* é o mesmo ca os tempos finais, a derradeira era da historia salvífica.
Xoán aplica á situación destas comunidades as categorías da literatura apocalíptica verbo do Anticristo, que ha vir antes da manifestación final de Xesús Cristo, para seducir aos cristiáns (cf Mt **24**, 23s e parl.; 2 Tes **2**, 3s).
**2**, 19 Estes herexes non eran verdadeiros cristiáns, pois non tiñan a fe e o espírito propio dun cristián, isto é, pertencían á comunidade puramente externa, non á verdadeira comunidade de fe.

[20]Vós, en troques, recibistes do Santo unha
unción e todos vós tedes o coñecemento.
[21]Decidinme a escribirvos, non porque non
coñezades a verdade, senón xustamente por-
que xa a coñecedes e porque da verdade non
saen mentiras.
[22]Quen é o mentireiro, senón o que nega
que Xesús é o Mesías? Ese tal é o Anticristo,
porque nega ao Pai e ao Fillo. [23]Quen nega
ao Fillo, xa non ten comuñón co Pai; e quen
profesa a súa fe no Fillo, tamén ten comuñón
co Pai.
[24]Respecto a vós, ao contrario: que vos
quede dentro o que aprendestes desde o co-
mezo. Se o que aprendestes desde o comezo
vos queda dentro, tamén vós permaneceredes
no Fillo e no Pai, [25]xa que esta é xustamente
a promesa que o Fillo nos fixo: a vida eterna.
[26]Ben. Dos que vos queren descamiñar, xa
chega co dito. [27]Ademais, vós conservades
dentro a unción que recibistes de Cristo, e
deste xeito non precisades que ninguén vos
faga de mestre, porque a unción de Cristo
–que é unha realidade e non unha ilusión–
xa vos ensina todo. Permanecede nel como
ela vos ensinou.
[28]Pois logo, meus fillos, seguide en comu-
ñón con el, para que cando se nos manifeste o
día que volva, teñamos unha seguridade con-
fiada e non nos sintamos fracasados lonxe
del.

### Terceiro criterio: practicar a xustiza é propio dos fillos

[29]Xa sabedes que Cristo é xustificador: ti-
rade, logo, de aquí a consecuencia, que todo
aquel que fai o que é xusto é fillo del.

**3** [1]Vede o moito que nos quixo o Pai, para
nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo
de verdade. Por iso o mundo non nos reco-
ñece, porque tampouco non o recoñeceu a
El. [2]Meus amigos, xa somos fillos de Deus,
pero aínda non está á vista o que seremos:
sabemos que, cando Xesús apareza, nós se-
remos coma el, xa que o veremos tal e como
é. [3]Todo o que ten posta en Xesús esta espe-
ranza, trata de vivir unha vida limpa, para ser
limpo coma el.
[4]Todo aquel que peca comete unha ruinda-
de, xa que o pecado é esa rebeldía. [5]E sabedes
que el se presentou para quitar os pecados,
xa que nel non hai pecado. [6]A quen segue en
comuñón con el, non lle dá por pecar: quen
peca é que non o viu nin o coñeceu.
[7]Meus fillos, que ninguén vos extravíe:
quen fai o que é xusto, vólvese xusto, xa que
imita a Aquel que é xusto. [8]Quen comete pe-
cado, vén do demo, xa que o demo é pecador
desde o comezo. Por isto se fixo ver o Fillo
de Deus, para acabar coas obras do demo.
[9]Quen naceu de Deus, xa non comete pecado,
porque a semente de Deus queda nel: xa non
pode pecar, porque naceu de Deus. [10]Nisto é

**2**, 20 O Santo é un título mesiánico moi antigo de Xesús Cristo (cf Xn **6**, 69; Feit **2**, 27, citando o Sal **16**, 10; Feit **3**, 14; Ap **3**, 7).
*A unción* (ou, mellor, o aceite para a unción, crisma) segundo o paralelismo co v. 24 (cf v. 27 e 2 Cor **1**, 21) é a doutrina recibida e feita vida pola fe.
**2**, 22 *Mesías*: lit. "Cristo". Os gnósticos en cuestión non negan a existencia do Mesías celeste, senón que negan que este Mesías sexa Xesús de Nazaré.
**2**, 23 Rexeitar a Xesús como Mesías e Fillo de Deus é imposibilitarnos para toda comuñón con Deus, xa que unicamente a través del se nos revela plenamente o Pai (cf Xn **1**, 18; **5**, 23; **10**, 30; **14**, 6-9; **15**, 23) e só a través da súa humanidade podemos chegar a unha comuñón auténtica con Deus.
**2**, 27 A expresión *a unción... de Cristo* hase de entender en sentido dobre: é Cristo quen realiza a unción co aceite sacro da súa palabra comunicada na catequese bautismal e, ao mesmo tempo, a unción é el mesmo; comunícanos o misterio de si mesmo (carácter sacramental da palabra de Deus). Deste xeito compréndese o *permanecede nel*: permanecede na aceptación do ensino que el vos deu e permanecede firmes no contido do ensino que é Cristo mesmo.
**2**, 28 Cf **4**, 17.
**2**, 29 *Xustificador*: lit. "xusto", que aquí ten o sentido de xustificador, coma en **2**, 1 e **3**, 7.
**3**, 1 O mundo non nos recoñece como fillos, porque tampouco non recoñeceu a Deus como Pai (cf **4**, 8-9; Xn **16**, 3; **17**, 25; 1 Cor **1**, 21).
**3**, 2 Na Parusía de Xesús Cristo seremos coma el, xa que estaremos en perfecta comuñón con el, participaremos familiarmente da súa gloria (cf Rm **8**, 29; 2 Cor **3**, 18; Col **3**, 4).
**3**, 4 O concepto de pecado que aquí aparece é o pecado como oposición ao reino de Xesús Cristo, ás ordes do demo, ben distinto do concepto de pecado en **1**, 7-10. Esta noción de pecado explícanos a imposibilidade de pecar do cristián, do v. 6.
**3**, 7-10 Estes vv. aplican a doutrina do parágrafo anterior á situación concreta destas comunidades axitadas polos ensinos gnósticos: o amoralismo doutrinal e práctico destes herexes lévaos á situación de rebeldía contra o reino de Cristo. Por isto o esforzo de vivir unha vida moral é sinal de ter comuñón con Deus, de ser os seus fillos.
**3**, 9 *A semente de Deus* é (en Mt **13**, 1-9; 1 Pe **1**, 22; cf tamén o apócrifo 4 Esd **9**, 31) a palabra que provoca a fe, que leva ao bautismo e a rexeneración e filiación divina do cristián (cf Xn **15**, 3; 1 Xn **2**, 24). Esta experiencia de fe impide o pecado de rebeldía escatolóxica; deste xeito a realidade moral cristiá é o cumprimento das esperanzas escatolóxicas (Xer **31**, 33-34; Ez **36**, 27-28; cf Sal **37**, 31; **119**, 11; Eclo **24**, 22-23).

onde se ven os que son fillos de Deus e os que son fillos do demo.

### Cuarto criterio: o amor ao próximo

Quen non fai o que é xusto, isto é, quen non quere ben a seu irmán, non vén de Deus. [11]Porque esta é a mensaxe que oístes desde o comezo: que nós nos amemos uns aos outros. [12]Non coma Caín, que, vindo da caste do demo, matou a seu irmán. E por que o matou? Porque os seus feitos eran do demo, mentres que os do seu irmán eran xustos.

[13]Non vos admiredes, irmáns, de que o mundo vos teña odio. [14]Ollade que nós sabemos que pasamos da morte á vida en que lles queremos ben aos irmáns; o que non quere ben, permanece na Morte. [15]Quen odia a seu irmán é un asasino, e xa sabedes que ningún asasino leva en si a vida eterna.

[16]Soubemos o que é o amor desde que el deu a súa vida por nós e entón decatámonos de que nós temos que dar a vida polos irmáns. [17]Pois como pode estar o amor de Deus naquel que, tendo moitos bens deste mundo e vendo pasar necesidade ao irmán, lle cerra as entrañas? [18]Meus filliños, non amemos de palabra e de lingua, senón con feitos e na verdade.

### Confianza con Deus

[19]Deste xeito saberemos que vivimos conforme a verdade e sosegaremos o noso corazón diante do tribunal de Deus. [20]Porque aínda que o noso corazón nos acuse, Deus é meirande ca o noso corazón e coñece todo. [21]Meus amigos, se o corazón non nos acusa, temos confianza para nos achegar a Deus,[22]e El danos o que lle pidamos, porque cumprimos cos seus mandamentos e facemos o que a El lle agrada.

[23]Isto é o que El manda: que creamos no seu Fillo Xesús Cristo e que nos queiramos ben uns aos outros, coma el nos mandou. [24]O que cumpre cos seus mandamentos, está en comuñón con Deus, e Deus en comuñón con el: coñecemos que Deus está en comuñón connosco polo Espírito que nos deu.

### Quinto criterio: a fe en Xesús, levados polo Espírito

**4** [1]Meus amigos, non fiedes en calquera espírito: máis ben, poñede á proba os espíritos, para ver se veñen de Deus. Porque de entre nós saíron polo mundo moitos falsos profetas.

[2]O Espírito de Deus podémolo distinguir nisto: vén de Deus todo espírito que profesa que Xesús Cristo veu en carne mortal; [3]non pode vir de Deus o espírito que non profesa a Xesús: ese é o espírito do Anticristo, de quen oístes dicir que ía vir e agora xa está no mundo.

[4]Meus filliños, vós sodes de Deus, e tedes os anticristos sometidos a vós, porque o que está en vós é maior ca o que está no mundo. [5]Eles son dos do mundo, falan ao xeito do mundo e por isto escóitaos o mundo. [6]Nós, en troques, somos dos de Deus: quen coñece a Deus, escóitanos; quen non é dos de Deus, non nos escoita. Nisto é onde coñecemos o Espírito da verdade e o espírito do error.

**3**, 12 *Do demo*: lit. "malos"; aquí o sentido é "diabólicos".
**3**, 13 Cf Lc **6**, 22; Xn **15**, 18-19.
**3**, 14 Cf Xn **5**, 24 Poñemos Morte con maiúscula, xa que aquí parece ser unha personificación das forzas diabólicas, e deste xeito exprésase a oposición escatolóxica ao reino de Xesús Cristo daquel que non quere ben ao irmán.
**3**, 16 Cf **4**, 6; tamén Xn **10**, 11. 15. 17-18; **13**, 37-38; **15**, 13; Gál **2**, 20; Flp **2**, 17; 1 Tes **2**, 8; 1 Tim **2**, 6; Tit **2**, 14: a actitude sacrificial de Xesús Cristo, de suprema liberdade e amor, hase continuar no amor cristián.
**3**, 17 Cf Dt **15**, 7s; Lc **10**, 33; St **2**, 15-16.
**3**, 18 *Na verdade*: quere expresar o específico do amor cristián: o amor para ser cristián precisa ser froito da fe (Xn **18**, 37; 2 Xn 1-2) na revelación do amor de Deus, feita a través da vida e morte de Xesús Cristo (v. 6). Unha mera filantropía non é aínda amor cristián.
**3**, 19-20 *Corazón*, co sentido de "conciencia", como traducen moitos; pero "corazón" ten connotacións tan ricas, que non se deben perder.
A vida de amor é criterio de autenticidade do cristián e sinal de que os seus pecados son do estilo dos que se fala en Xn **1**, 7-10. A expresión *Deus... coñece todo* vén significar que Deus coñece que os nosos pecados son fallos dentro dunha intencionalidade fundamental boa da nosa vida: non son actitudes firmes e obstinadas.
**3**, 22 Cf **5**, 14-15; Xn **14**, 13; **16**, 23.
**4**, 1 *En calquera espírito*, é dicir, de calquera que pretende falar polo Espírito.
**4**, 2 Os fenómenos espirituais na Igrexa hanse examinar con moito coidado (cf 1 Cor **12**, 10; 1 Tes **5**, 21; cf tamén Dt **13**, 2-6; Xer **23**, 21-22; **28**, 8-9; Mt **7**, 15-20; Xn **8**, 42-47; Ef **5**, 8-10; Col **2**, 8; 2 Xn 7); non poden estar contra as verdades fundamentais, como a Encarnación de Xesús Cristo.
**4**, 3 Estes gnósticos distinguían entre o home Xesús e o Cristo, ser celeste e glorioso; a fórmula "profesar a fe en Xesús" é un ataque directo a estas doutrinas gnósticas.
Algúns manuscritos antigos e algúns Pais da Igrexa len "divide", "separa" e parece máis probable ca o de "profesar a fe"; pero preferimos esta lectura por ser máis clara e o sentido vén ser o mesmo no fondo.
**4**, 5-6 Cf Xn **8**, 47; **15**, 18-19; **17**, 14; **18**, 37; 2 Tim **4**, 4; 2 Pe **2**, 18: Escoitar, facerlle caso ao representante auténtico da Igrexa o apóstolo, é sinal de estar na verdadeira comuñón con Deus.

### Sexto criterio: a fe no amor de Deus

[7]Meus amigos, amémonos uns aos outros, porque o amor vén de Deus; e todo aquel que ama naceu de Deus e coñece a Deus. [8]O que non ama, aínda non coñece a Deus, porque Deus é amor.

[9]O amor de Deus fíxose ver entre nós en que Deus mandou ao mundo o seu Fillo Unixénito, para que nos dese a súa vida. [10]Hai amor dentro de nós, non porque nós teñamos amado a Deus, senón porque El nos amou a nós e mandou o seu Fillo para que expiase os nosos pecados.

[11]Meus amigos, se Deus nos amou tanto, tamén nós nos temos que amar uns aos outros. [12]A Deus non o deu visto nunca ninguén; pero, se nós nos amamos uns aos outros, Deus está en comuñón connosco e o seu amor faise realidade cumprida en nós.

[13]Coñecemos que estamos en comuñón con El e El connosco, en que nos deu parte no seu Espírito. [14]Nós mesmos o contemplamos e por iso testemuñamos que o Pai mandou o seu Fillo como salvador do mundo. [15]Se un profesa que Xesús é o Fillo de Deus, Deus está en comuñón con el e el con Deus. [16]Pero nós xa o coñecemos e temos posta a nosa fe neste amor: o amor que Deus mantén vivo entre nós. Deus é amor, e quen permanece no amor permanece en Deus e Deus permanece nel.

[17]Nisto chega o amor a ser realidade cumprida en nós: en que miramos para o día do xuízo con confiada seguridade, porque tamén nós vivimos neste mundo ao xeito de Cristo. [18]No amor non hai temor; antes ben, o amor perfecto bota fóra o temor, pois o temor é temor dun castigo: quen ten medo non chegou a un amor perfecto.

[19]Nós somos capaces de amar, porque El nos amou primeiro. [20]Se un di: "Eu amo a Deus", pero odia a seu irmán, é un mentireiro. Porque quen non ama a seu irmán a quen está vendo, non pode amar a Deus, a quen nunca viu.[21]Este é xustamente o mandamento que temos recibido del: que quen ama a Deus, ame tamén a seu irmán.

### A fe, razón do amor e da comuñón con Deus

**5** [1]Todos cantos cren que Xesús é o Mesías, naceron de Deus; e quen ama ao que xera, ama tamén a quen aquel xerou. [2]Sabemos que amamos aos fillos de Deus, se amamos a Deus e cumprimos cos seus mandamentos.

[3]Porque o amor a Deus consiste en cumprir cos seus mandamentos. Os mandamentos de Deus non son pesados, [4]porque nacer de Deus permítenos vencer ao mundo. E esta é a vitoria que derrota o mundo: a nosa fe. [5]Porque quen é o que derrota ao mundo, senón o que cre que Xesús é o Fillo de Deus?

[6]O que veu con auga e sangue, foi el, Xesús Cristo; non veu con auga só, senón con auga e con sangue. E o Espírito é quen dá testemuño, xa que o Espírito é a Verdade. [7]Porque tres son os que dan testemuño: [8]o Espírito, a auga e mais o sangue, e os tres testemuñan no mesmo sentido. [9]Se nós aceptamos o testemuño dos homes, maior razón ten o testemuño de Deus. E este é o testemuño de Deus: o que El nos ten dado acerca do seu Fillo. [10]Quen cre no Fillo de Deus leva dentro de si este testemuño; quen non lle dá fe a Deus, pono por mentireiro, xa que non cre no testemuño que Deus ten dado acerca do seu Fillo. [11]E nisto consiste ese testemuño: en que Deus nos deu a vida eterna, a vida que está no seu Fillo. [12]Quen ten o Fillo, ten a vida; quen non ten o Fillo, non ten a vida.

### Epílogo

[13]Con esta carta quero que vós, os que credes no Fillo de Deus, esteades seguros de que

**4**, 8 Expresión magnífica. Non é unha definición abstracta, senón unha síntese doutrinal, deducida do comportamento salvífico de Deus no proceso da historia da salvación (vv. 9-11). O Deus da revelación é o Deus que ama o seu Fillo (Xn **3**, 35; **5**, 20; **10**, 17; **15**, 9; **17**, 26) e que nos ama a nós (cf vv. 10. 19).

**4**, 13 Cf nota a **3**, 24; cf 1 Cor **12**, 3.

**4**, 17 A vida de amor dos cristiáns permítelles ver o día do xuízo sen medo, pois xa viven ao estilo de Xesús Cristo (cf **2**, 6. 29; **3**, 3. 7).

**4**, 20-21 O amor cristián ten que ser amor e servizo aos homes (Mt **25**, 40. 45), xa que é participación do amor de Deus, que foi servizo aos homes (**4**, 4-10); outro amor é pura ilusión, e non é cristián.

**5**, 1 *Mesías*: lit. "Cristo".

**5**, 6 *A auga* e *o sangue* quere indicar a vida pública de Xesús; o comezo (Bautismo) e a fin (Cruz) indican a totalidade. Tamén é moi probable que haxa aquí unha alusión á teoloxía sacramental xoánica recollida en Xn **19**, 33-37, onde se fai unha alusión simbólica aos sacramentos da iniciación cristiá: Bautismo e Eucaristía (cf Xn **14**, 17; **15**, 26).

**5**, 7-8 A Vulgata incluíu ao final do v. 7: "no ceo: o Pai, a Palabra e mais o Espírito Santo; e estes tres son un. E hai tres que testemuñan na terra: o Espírito..." É o famoso "comma ioanneum". Certamente non é auténtico: engadiuse no s. IV en África ou Hispania e non é imposible que fose na Gallaecia, porque é Prisciliano o primeiro autor en quen aparece.

**5**, 13 Este v. resume a intención do autor en toda a carta: convencer aos seus lectores de que coa súa fe en Xesús, o Fillo de Deus, teñen a vida eterna, mentres os gnósticos se privan desta vida por negaren que Xesús sexa o Fillo de Deus (cf Xn **20**, 31).

tedes a vida eterna. [14]Cando acudimos a el,
estamos certos de que nos escoita, se o que
lle pedimos está conforme coa súa vontade.
[15]Se estamos certos de que nos escoita en cal-
quera cousa que lle pidamos, estamos tamén
certos de que xa conseguimos o que lle esta-
mos pedindo.

[16]Se alguén ve que o seu irmán peca con
pecados que non levan á morte, que rece por
el e Deus daralle a vida. Refírome aos que
cometeron pecados que non levan á morte.
Porque hai un pecado que leva á morte; e
non é por este polo que eu digo que se rece.
[17]Toda inxustiza é pecado, pero hai pecados
que non levan á morte.

[18]Sabemos que todo aquel que é un nacido
de Deus non peca, senón que o garda consigo
aquel que naceu de Deus, para que non lle to-
que o Maligno. [19]Sabemos que nós vimos de
Deus, mentres que o mundo enteiro está nas
mans do Maligno. [20]Sabemos que o Fillo de
Deus xa está aquí e que nos deu entendemen-
to para coñecer o Verdadeiro; nós estamos co
Verdadeiro, co seu Fillo Xesús Cristo. Este
é o Deus verdadeiro e a vida eterna. [21]Meus
Filliños, gardádevos dos falsos deuses.

**5**, 14-15 A seguridade da fe e da vida eterna dá paso a outra seguridade de uso máis diario: a de que se nos escoitará e atenderá na oración litúrxica e individual.
**5**, 16 A distinción entre os pecados que levan á morte e os que non levan á morte refírese probablemente aos pecados como fallos dentro dunha intencionalidade cristiá fundamental (**1**, 7-10) e aos pecados como falseamento do plan salvífico de Deus e en oposición a El (os pecados dos herexes e anticristos de **3**, 4-10?). A morte aquí hai que entendela como a morte escatolóxica, a "morte segunda" de Ap **20**, 6-14 (cf Mt **12**, 31s; Heb **6**, 4-8; **10**, 26s).
**5**, 18 *Aquel que naceu de Deus* é Xesús Cristo (cf **3**, 8s).

# SEGUNDA CARTA DE XOÁN

**Saúdo**

[1]Eu, o Presbítero, escríbolle á señora elixida e mais aos seus fillos, aos que quero na verdade e non só eu senón todos os que recoñecen a verdade, [2]grazas á verdade que está dentro de nós e que nos acompañará sempre. [3]Obra da verdade e mais do amor será que nos acompañen o favor, a misericordia e a paz que nos vén de Deus Pai e de Xesús Cristo, o Fillo do Pai.

**O mandamento do amor**

[4]Algúns dos teus fillos déronme unha alegría moi grande, cando vin que vivían na verdade, conforme o que o Pai nos mandou. [5]Agora, pídoche, señora, que nos queiramos ben uns aos outros; e con isto non che anuncio un mandamento novo senón o mandamento que recibimos desde un principio.

[6]O amor consiste nisto: en vivirmos conforme os seus mandamentos. Este é o mandamento que oístes desde o principio para que vivades conforme el.

**Os anticristos**

[7]Agora andan polo mundo moitos sedutores que non profesan que Xesús Cristo veu en carne mortal: Velaí o sedutor e o Anticristo! [8]Mirade por vós mesmos: para non perderdes o que traballastes, senón para recibirdes a paga enteira. [9]Todo aquel que se pasa da raia e non segue a doutrina de Cristo, non ten a Deus consigo. Quen segue a doutrina, ten consigo ao Pai e mais ao Fillo. [10]Se vos fai unha visita alguén que non traia esta doutrina, nin lle ofrezades pousada nin lle deades a "benvida"; [11]quen lle dea a "benvida", faise cómplice das súas malas obras.

**Despedida**

[12]Aínda que teño moitas cousas para vos dicir, non o quero facer con papel e tinta. Espero irvos ver e falarvos cara a cara, para que, deste xeito, a nosa alegría sexa completa.

[13]Saúdante os fillos da túa irmá, a elixida.

1 *Presbítero* é aquí un título suficientemente claro para os destinatarios, xa que non se explica nada máis del. Supón nel unha forte autoridade, a xulgar polo ton da carta. Nas igrexas de Asia Menor (cf Papias e Ireneo) aplicábase aos apóstolos e ás primeiras testemuñas da tradición apostólica; e tamén nalgúns lugares do N. T. (Flp **1**, 1; St **5**, 14) indica un apóstolo.
*Señora elixida* é a designación simbólica dunha Igrexa local: a imaxe da muller para indicar unha comunidade é frecuente no A. T. e no N. T.; chámaselle "elixida", xa que está composta dos fieis elixidos por Deus (cf 2 Tim **2**, 10; Tit **1**, 1), que herdaron a categoría do pobo elixido (1 Pe **2**, 9).
*Verdade,* en toda a carta, é a revelación e, sobre todo, a revelación do amor de Deus, que nos compromete a unha vida de amor mutuo.
5 Cf 1 Xn **2**, 7-8. 24 e as notas.
6 Cf 1 Xn **3**, 23; **5**, 3.
7 Cf 1 Xn **2**, 18-29; **4**, 1-6.
10 *Nin lle deades a "benvida"*: lit. "nin lle digades: alégrate". Non se prohibe o saúdo, pero si darlles pousada aos predicadores da herexía e augurarlles boa estancia.
11 Estas malas obras son rexeitar a verdade sobre Xesús Cristo e difundir doutrinas heréticas.

# TERCEIRA CARTA DE XOÁN

**Saúdo**

[1]Eu, o Presbítero, escríbolle ao benquerido Gaio, a quen amo na verdade. [2]Meu amigo, pido para ti saúde e que o éxito en todos os teus asuntos te acompañe sempre. [3]Canto me alegrei cando chegaron uns irmáns e nos falaron da túa aceptación da mensaxe, de como vives na verdade! [4]Para min non hai alegría meirande ca esta: a de oír que os meus fillos viven de acordo na verdade.

**A cooperación de Gaio**

[5]Meu amigo, estaste comportando conforme a fe en todo o que fas polos irmáns e maiormente polos irmáns forasteiros. [6]Eles diante da comunidade falaron ben do teu amor. Farías ben en seguir fornecéndoos para a viaxe, como Deus manda. [7]Pois, por mor do Nome marcharon sen recibiren nada dos pagáns. [8]Por iso, nós temos a obriga de axudar a homes coma estes, para sermos colaboradores do anuncio da verdade.

**A actitude dominante de Diotrefes**

[9]Escribinlle unha carta a esa comunidade, pero o dominante Diotrefes non nos acepta. [10]Por iso, cando vos vaia ver, botareille na cara o que fai, as palabras malignas con que nos denigra. Ademais, non satisfeito con isto, nin acepta el aos irmáns, nin llelo permite facer aos que os queren aceptar, e bótaos fóra da comunidade.

[11]Meu amigo, non imites o mal senón o ben. Quen obra ben, vén de Deus; quen obra mal, endexamais non viu a Deus.

**Testemuño favorable a Demetrio**

[12]De Demetrio todos falan ben e falan a verdade. E nós tamén falamos o ben e sabes que o noso testemuño é conforme a verdade.

**Despedida**

[13]Aínda teño moitas cousas que che dicir, pero non o quero facer con tinta e pluma. [14]Espero verte moi axiña e falar cara a cara. [15]A paz sexa contigo. Mándanche saúdos os teus amigos. Saúda os meus amigos, un por un.

1 *Na verdade*: movido pola verdade revelada que nos descobre o amor de Deus a nós (cf 1 Xn **4**, 7ss).
4 Cf nota a 1 Xn **2**, 1.
5 O feito de acoller e hospedar os misioneiros ambulantes (ou tamén a cristiáns forasteiros que ían de paso) considérase un comportamento de fe (cf 1 Xn **4**, 7ss; **5**, 1).
6 A comunidade ante a que loaron a Gaio foi a comunidade onde vive Xoán, a de Éfeso.
7 *Por mor do Nome*: é dicir, por amor a Cristo. O "nome" é un título de Cristo en Xoán (cf Xn **3**, 18; **20**, 31; 1 Xn **3**, 23; **5**, 13). No xudaísmo é un nome substitutivo de Iavé.
11 Cf 1 Pe **3**, 11; 1 Xn **3**, 6.
12 *Demetrio* ten que ser un cristián ben coñecido da comunidade á que pertence Gaio, aínda que para nós é descoñecido. Dise que colabora nesta difusión da verdade.

# INTRODUCIÓN Á CARTA DE XUDAS

## 1. Autor e data

1.1. *A derradeira das sete Cartas Católicas ten por autor a "Xudas, servidor de Xesús Cristo e irmán de Santiago" (v. 1). Parece claro que este Santiago é o curmán do Señor, xefe da Igrexa en Xerusalén. Xudas sería, logo, un dos catro parentes de Xesús nomeados en Mt* ***13****, 55, e nada ten que ver co apóstolo Xudas Tadeo (cf Mt* ***10****, 3); por outra banda, el mesmo, no v. 17, distínguese do grupo dos apóstolos.*

*Pero a carta é, de certo, de Xudas? Literariamente é un escrito moi apreciable pola súa linguaxe fina e ben construída: non se avén moito, xa que logo, cun provinciano palestino; ademais parece referirse aos apóstolos como personaxes xa pasados (vv. 17-18). Se a isto lle engadimos que as desviacións doutrinais ás que se refire teñen un parecido non moi distante das correntes gnósticas e que insiste nunha fe obxectivada, nunha formulación pechada, poida que nos sintamos levados a supoñer que se trata dun caso de pseudonimia. Isto, non obstante, non é cousa certa. A todas as razóns apuntadas pódeselles atopar unha explicación, que, polo menos, suaviza as posicións. Un escrito dun xudeu-cristián de lingua grega, que emprega tradicións de Santiago e Xudas? O resultado dun intelixente amanuense, do que bota man Xudas?*

1.2. *Pódese datar a carta no derradeiro cuarto do século I, quizais arredor dos anos oitenta; e iso aínda admitindo como parece certo que II Pedro utilizara a Carta de Xudas na súa redacción.*

## 2. Contido

*O escrito ten por obxectivo primeiro e único facer unha chamada de atención aos destinatarios (calquera comunidade cristiá ou, mellor, xudía-cristiá podía selo) sobre os movementos doutrinais levados adiante por "algunhas persoas impías" (v. 4), que converten a graza en libertinaxe, ofrecen unha "cristoloxía trabucada (ibid), son pouco delicados cos "Seres Gloriosos" (vv. 8.10), viven envoltos nunha moral corrompida (v. 10), apegados aos cartos (vv. 11. 16) e van sementando a murmuración e mais a queixa por onde van (v. 16).*

*A presentación das características destes impíos, mestúrase coa lembranza de feitos do A. T. (vv. 5-7. 11-12) e coa cita dos apócrifos Ascensión de Moisés (v. 9) e Apocalipse de Henoc (vv. 14-15), empregados para desacreditar a eses homes "animais", que non teñen espírito (v. 19), algún deles son tan abominables, que mesmo cómpre aborrecer a roupa lixada pola súa carne (v. 23). Todo isto é xa cousa sabida para os destinatarios (v. 5); de aí que como cousa positiva só lles recorde a necesidade de se edificaren sobre os alicerces da fe, de rezaren no Espírito e de se manteren no amor, agardando a vida eterna: é dicir, a práctica das virtudes teologais (vv. 20-21).*

*Aínda que a carta empeza cun saúdo tipicamente epistolar (vv. 1-2), o escrito é máis unha homilía ca unha carta; e a fermosa conclusión doxolóxica de forma litúrxica (vv. 24-25) próbao abondo.*

*As citas que fai de apócrifos do A. T. poida que constituísen unha das razóns máis fortes polas que se discutiu tanto esta carta ata que o Concilio de Trento definiu a súa canonicidade.*

# CARTA DE XUDAS

## Saúdo

1 Xudas, servidor de Xesús Cristo e irmán
de Santiago, saúda aos chamados, os ben-
queridos de Deus Pai e gardados para Xesús
Cristo: 2 Que a misericordia, a paz e o amor se
realicen en vós con toda abundancia.

## Motivo da Carta

3 Queridiños, levado polo empeño que
poño en vos escribir verbo da nosa común
salvación, crin de necesidade dirixirme a vós
para vos pedir un esforzo especial na loita
pola fe que dunha vez por todas se lle entre-
gou ao pobo santo. 4 Pois á disimulada meté-
ronse algunhas persoas impías, xa de vello
apuntadas para esta condenación, que con-
verten en libertinaxe a graza do noso Deus
e rexeitan o noso único Dono e Señor Xesús
Cristo.

## Os falsos mestres

5 Aínda que estas cousas as teñades xa
ben sabidas, quérovos, non obstante, lem-
brar que o Señor, despois de sacar o seu
pobo da escravitude de Exipto, acabou logo
cos que non creran. 6 E tamén que aos anxos
que non mantiveran a súa dignidade e aban-
donaran a súa morada, tenos gardados nas
tebras, encadeados con cadeas eternas ata
o día do gran xuízo. 7 O mesmo ca Sodoma
e Gomorra e as cidades veciñas que, por se
deixaren levar coma eles por inmoralida-
des e por vicios contrarios á natureza, es-
tán como escarmento sufrindo o castigo do
lume eterno.

8 Pois estes, igual: deixándose levar das
súas matinacións, lixan a carne, aldraxan
o Señorío e maldín os Seres Gloriosos. 9 O
mesmo arcanxo Miguel, cando andaba ás re-
tesías co demo, discutindo sobre o corpo de
Moisés, non tivo o atrevemento de lle botar
unha sentenza aldraxante, senón que dixo:
"Que o Señor te reprenda". 10 Pero estes, por
unha banda, maldín do que non coñecen; e,
pola outra, corrómpense naquelas cousas que
como as bestas coñecen por instinto. 11 Pobres
deles! Colleron polo camiño de Caín e polos
cartos deixáronse caer no erro de Balaam e
morreron na revolta de Coré.

12 Estes son os que deshonran os vosos xan-
tares de irmandade, con enchentes desaxei-
tadas e cebándose; nubes sen auga, levadas
polos ventos de acá para acolá; árbores outo-
nizas sen froito, dúas veces mortas, desenrai-
zadas; 13 ardentías do mar que rebotan coma
escuma as súas porcalladas; estrelas errantes,
ás que lles agardan unhas tebras pechas para
sempre.

14 Destes tamén profetizou Henoc, o sétimo
despois de Adán, cando dixo: "Velaquí vén o
Señor rodeado de milleiros de anxos, 15 para
facer xuízo a todos e para demostrarlles a
todos os malvados as impiedades todas que
ruínmente fixeron e todos os arroallos que
contra El esbardallaron estes impíos peca-
dentos". 16 Sonvos murmuradores, ándanse
a queixar decote, camiñan seguindo as súas
cobizas, os seus labios pronuncian verbas
abraiantes, afagan as persoas buscando o
propio interese.

## Exhortación á fidelidade

17 Pero vós, queridiños, facede lembran-
za do que predixeron os apóstolos do noso
Señor Xesús Cristo. 18 Eles dicíanvos que no
intre derradeiro xurdirían homes impostores,
que camiñarían na impiedade, seguindo as
súas cobizas. 19 Ben, pois estes sonvos os ta-
les, provocadores de divisións, homes "ani-
mais" que non teñen espírito.

20 Pero vós, queridiños, edificádevos enri-
ba dos alicerces da vosa fe santísima; rezade

3 *Dunha vez por todas*: para Xudas a fe, máis ca unha ac-
titude de corazón, subxectiva, é o conxunto de verdades
transmitidas, algo obxectivo, que os fieis aprenden dunha
vez por todas.
5 *O Señor*: algúns ms. len: "Xesús", que sería Xosué, ou
o mesmo Xesús Cristo: neste caso faríase referencia á súa
preexistencia divina.
6 Poida que se trate dunha alusión á pasaxe enigmática
de Xén **6**, 1-2, asunto tratado no libro apócrifo de Henoc,
que se citará máis adiante (cf 2 Pe **2**, 4).
7 *Que por se deixaren...*: lit. "Fóronse tras unha carne
diferente", que se podería entender como unha alusión
ao feito de que os homes dos que querían abusar os so-
domitas non eran homes, senón anxos (cf Xén **19**, 1-11).
9 É cousa probable que nesta pasaxe Xudas dependa do
libro apócrifo titulado "Asunción de Moisés".
12 *Deshonran os vosos...*: lit. "Son un lixo nos vosos...".
14s Cita tamén, non moi literal, do libro apócrifo de He-
noc.
19 *Animais*: a palabra vén comentada polo que se di a
continuación: "que non teñen espírito". O seu sentir e
mais o seu obrar obedecen aos pulos naturais carnais,
diría Paulo e non se deixan levar polo Espírito.
20 Nótese tanto a estrutura trinitaria da pasaxe Espíri-
to, Deus, Xesús Cristo coma o vínculo coas tres virtudes
teologais.

no Espírito Santo; [21]mantédevos no amor de Deus, agardando que a misericordia do noso Señor Xesús Cristo vos dará a vida eterna. [22]Compadecédevos dos que dubidan: [23]salvade a algúns, arrincándoos do lume; e dos outros tede piedade, mais con receo, aborrecendo mesmo a roupa lixada polos seus baixos vicios.

**Doxoloxía conclusiva**

[24]A Aquel que é potente para vos gardar sen pecado e así presentarvos na súa presenza sen mancha e con alegría, [25]ao único Deus, noso Salvador por Xesús Cristo o noso Señor, a El, digo, deamos a gloria, a maxestade e a autoridade suprema desde o principio, agora e por todos os séculos dos séculos. Amén.

# INTRODUCIÓN Á APOCALIPSE

*Apocalipse é unha latinización do termo grego "apocalypsis", que vén de "apocar yptein": "abrir unha cortina", "revelar": apocalipse é, por tanto, unha revelación. O apocalíptico, logo, debe ser, pola súa intención, un xeito especial de profecía. Esta literatura, de feito, está moi emparentada coa tradición profética.*

## 1. Literatura apocalíptica

*Deixando a un lado as seccións de Ezequiel e Malaquías que serven de paso entre a profecía e o xénero apocalíptico, na mesma Biblia atopamos seccións claramente apocalípticas: Is **24-27**; **34-35**; Dn **7-12**; Zac **9-14**; Xl **1-4**. Na literatura xudía, á marxe do A. T., atopamos unha serie de libros: o "Libro de Henoc" (I Henoc), "Libro dos segredos de Henoc" (II Henoc), III Henoc, o "Testamento dos Doce Patriarcas", a "Asunción de Moisés", a "Ascensión de Isaías" (parte del é cristiá), a "Apocalipse de Abraham", o "Testamento de Abraham", o "IV Libro de Esdras", a "Apocalipse de Baruc" (II Baruc) e anacos da "Apocalipse de Sofonías" e da "Apocalipse de Elías", así como tamén os "Oráculos Sibilinos".*

*Nos mesmos textos descubertos en Qumrân atopamos escritos deste xénero: O "Manual da Guerra dos fillos da luz contra os fillos das tebras" e unha serie de anaquiños de libros: "Liturxia Anxélica", "Libro dos Misterios"...*

*No N. T., á parte da Apocalipse, atópanse seccións apocalípticas: Mc **13** e parl; Lc **17**, 22-37; 1 Cor **15**, 23-28. 35-37; 2 Tes **1**, 7-10; **2**, 3-12. Na literatura cristiá primitiva aparecen outras apocalipses que non forman parte da Biblia, como a "Apocalipse de Pedro", a "Apocalipse (ou visión) de Paulo" e as "Apocalipses da Virxe María", o mesmo "Pastor de Hermas" e, finalmente, a obra medieval de Dante, a "Divina Comedia".*

## 2. Carácter desta literatura

*Quizais como mellor podemos comprender esta literatura é comparándoa coa que lle deu orixe, a literatura profética. O profeta é ante todo a persoa da palabra, mentres que o apocalíptico é a persoa do libro, que esconde a súa propia identidade baixo o nome dun personaxe importante da antigüidade: Baruc, Abraham, Moisés, Isaías, Pedro, Paulo. Por isto, o libro apocalíptico é un libro moi coidado na orde e na estrutura dos seus elementos integrantes, ata chegar a buscar uns efectos escénicos. Por este mesmo motivo enxértanse nestes libros elementos hímnicos dunha liturxia.*

*O profeta é unha persoa que recibe a palabra de Deus para o seu momento histórico, enfróntase coa situación histórica na que vive, pode facer profecías cara ao futuro, pero é este un futuro que arrinca do seu presente concreto. O apocalíptico pensa e escribe para o presente, pero non se enfronta directamente con el; aparece admitido á contemplación do arquetipo celeste de todas as cousas, chega á visión celestial do decurso da historia presente e futura a través dun simbolismo que se enraíza nas antigas tradicións xudías, que se desenvolve coa simboloxía da relixión mítica cananea; ata o punto de crear todo un sistema significativo, como o pode facer algún cineasta de hoxe. Este dobre plano de realidades, celeste e terrestre, é quizais o carácter máis propio da literatura apocalíptica.*

*O profeta é o home da experiencia relixiosa intensa, algunha vez tráxica (cf Xer) da palabra de Deus, os obxectos ou seres que nos describe son sempre "parecidos", "semellantes"; a linguaxe e os símbolos de aquí non serven para expresar a transcendente realidade que el contempla. Esta mesma relixiosidade da transcendencia de Deus e do mundo celeste leva aos apocalípticos a un forte desenvolvemento da anxoloxía: as clarificacións das visións e as mensaxes son comunicadas sempre por un anxo. Os diferentes anxos teñen a súa propia misión. O apocalíptico pon de relevo o carácter privilexiado e de grupo da súa mensaxe, que se dirixe só aos iniciados.*

*O profeta buscaba sempre coa súa palabra abrasadora a conversión do seu auditorio e a fidelidade á alianza con Deus. O apocalíptico procura tamén isto mesmo, pero dunha forma indirecta. O que lle preocupa inmediatamente son os segredos das derradeiras fases da evolución histórica, a escatoloxía, a nova era coas súas conmocións históricas preparatorias: guerras, pestes, castigos de Deus, que, ao xeito dos oráculos de xuízo condenatorio dos profetas, tratan de suscitar a conversión e animar a manterse fieis na fe, pero sen dicilo.*

*O profeta e o apocalíptico viven en dous mundos diferentes: o profeta vive nun momento de infidelidade bastante xeneralizada á alianza, e procura con todas as súas forzas esa fidelidade. O apocalíptico vive nun intre de fervor relixioso, no medio dun puñado de xente do seu pensar, perseguido polas autoridades civís. A súa experiencia busca animar a comunidade a se manter firme na súa fe ante a persecución. O apocalíptico alenta no seu pequeno grupo a esperanza do inicio dunha era gozosa, a nova era; de aquí xorde a urxencia e a inminencia do cambio, tan típica da literatura apocalíptica. Por isto ben podemos dicir que o profeta é o portavoz do xuízo de Deus sobre a historia do seu momento, mentres que o apocalíptico é o xuíz da historia do mundo, porque toda ela está chamada ao xuízo de Deus. O xuízo do apocalíptico sobre o mundo é sempre negativo: este mundo está dominado polo poder de Satán e acabará na súa desaparición. Na nova era a cousa cambiará, ten que xurdir un mundo novo.*

*Unha derradeira diferenza: tanto o profeta coma o apocalíptico usan imaxes literarias e símbolos. Con todo, non é o mesmo o sentido dunha imaxe profética ca o dunha imaxe apocalíptica. A primeira podémola comparar á parábola, porque ten un único sentido e por isto resulta máis sinxela en elementos, aínda que por isto mesmo é máis forte. A imaxe apocalíptica está moito máis cargada de detalles e aspectos, ata o punto de que resulta algunha vez difícil de imaxinar. É froito dunha coidada elaboración literaria e todos estes detalles son significativos. Podémola comparar á alegoría, onde os diversos aspectos son tamén significativos. Así, á hora de tratarmos de comprender unha imaxe ou narración apocalíptica, habemos ter en conta todos os seus elementos, segundo unhas correspondencias que son xerais a toda a literatura apocalíptica.*

*Cada unha das partes do corpo humano ten o seu significado: os ollos significan o coñecemento; as mans, o poder; as pernas, a estabilidade e firmeza; o cabelo branco, a ancianidade, maxestade e sabedoría; a boca, o oráculo de Deus. Tamén os diferentes animais: o león significa a realeza; o boi ou xato, a forza xenital; a aguia, a velocidade; os dragóns e os monstros do mar, as forzas do mal; o año, o sacrificio; os cornos dun animal, o poder; as ás dun paxaro, a axilidade. O vestido mostra tamén a súa significación: a túnica talar significa o sacerdocio; o anel ou a coroa, a divindade rexia. As mesmas cores teñen o seu simbolismo: o branco, a alegría ou a vitoria; o vermello, o sangue martirial. Os números: o catro representa as catro esquinas ou os catro lados do mundo, concibido coma un cadrado; o sete ou corenta son a perfección; o doce é o pobo de Deus, o novo Israel; o mil é unha multitude, etc.*

*Este uso do simbolismo autorízanos a considerar a Ezequiel, o profeta dos símbolos recargados, como a ponte entre a profecía e a apocalipse.*

### 3. Autor e data da Apocalipse

3.1. *O autor da Apocalipse, a diferenza doutros, non esconde nin o seu nome nin a súa personalidade: chámase Xoán (**1**, 1. 9; **22**, 8). Descríbenos, ao estilo dos profetas do A. T., a súa vocación cunha serie de circunstancias persoais (**1**, 9-20); considérase a si mesmo profeta (**22**, 9) coma os outros profetas do N. T. e considera o libro unha profecía (**1**, 3; **22**, 7. 10. 18. 19). As circunstancias persoais que de si mesmo nos dá en 1, 9 teñen profundo sentido apocalíptico: é un cristián perseguido que espera o reino de Xesús; todo o libro é un precioso exemplo da literatura apocalíptica. Por outra parte é un personaxe con indiscutible autoridade nas igrexas de Asia Menor, segundo se deduce do ton da fala que colle no setenario das cartas (**2**, 1-**3**, 22).*

*Do estudo da linguaxe do libro sácase que, polo grego que emprega, non é esa a lingua nai do autor, xa que o seu dominio do grego non é moito: as construcións son hebreas ou mellor arameas, postas palabra por palabra en grego. Os grandes comentarios de Charles e Bousset teñen un bo apartado da introdución dedicado ao estudo da gramática e do léxico do libro, e conclúen que o seu autor tivo que ser un galileo. Usa moitísimo o A. T. pero sempre o fai seguindo o texto hebreo e con frecuencia a interpretación do Targum Neophiti, que lle deberon ser moi familiares; non se lle nota que teña semellante dominio da tradución grega dos LXX.*

*Todo isto poderíanos facer pensar que se trata dunha obra auténtica de san Xoán, o discípulo do Señor; pero resulta un pouco estraño que en **1**, 9 e **22**, 8 non faga alusión ao seu título de apóstolo, se é el o autor do libro. Os testemuños dos Pais da Igrexa non son unánimes. Os críticos modernos tampouco están de acordo. Pensamos, con todo, que é moi posible que se trate do apóstolo ou da*

*súa tradición, aínda que non se nomee con este título, que moi ben pode estar implícito ao insistir no aspecto testemuñal en **1**, 2 e en **22**, 8. Das súas relacións cos escritos xoánicos hai que dicir que, en síntese, todos estes escritos pertencen á mesma escola literaria, aínda que o autor non pode ser o mesmo, por motivos internos de linguaxe e de valor significativo das mesmas palabras.*

3.2. *O libro, sen dúbida, foi o primeiro da escola xoánica: a súa data ten que andar polos anos 90.*

## 4. Carácter literario da Apocalipse

*Aínda que os fundamentais sexan só os dous primeiros, hai tres xéneros literarios no libro:*

4.1. *O apocalíptico, cunhas cincuenta e catro visións e cunha serie de símbolos típicos do apocalíptico. Trátase, con todo, dunha "apocalipse" que se refire a un presente de persecución, un futuro de xuízo de Deus e de escatoloxía consumada, pero non a consideracións de tipo cosmogónico, astronómico ou da historia antiga. Aínda máis, coidamos que as cinco seccións en que dividimos a parte apocalíptica (**4**, 1-**22**, 5), non son períodos sucesivos na historia, senón cinco unidades apocalípticas nun xeito de consideracións concéntricas acerca do mesmo tema: niso aseméllase ao resto dos escritos xoánicos.*

4.2. *O segundo xénero literario é o profético. Á par dos oráculos transmitidos por anxos, ao gusto dos apocalípticos, presenta outros como oráculos de Deus (**21**, 5-7) e de Xesús Cristo (**1**, 11; **16**, 1. 15; **22**, 12ss); o mesmo que as cartas ás sete igrexas de Asia Menor as presenta como oráculos do Xesús Cristo celeste. Certas partes referentes aos cristiáns perseguidos, parécense máis á profecía que ás contemplacións apocalípticas.*

4.3. *Hai no libro un terceiro xénero literario, máis ben de adorno que de contido. Referímonos ao xénero epistolar: o libro comeza (**1**, 4ss) e remata (**22**, 21) ao estilo dunha carta cristiá primitiva; e no corpo do escrito (**2**, 1-**3**, 22) aparece a serie de sete cartas, aínda que sexan un artificio literario.*

# A APOCALIPSE

## PRÓLOGO

### Introdución

**1** [1]Revelación de Xesús Cristo que Deus
lle outorgou, para que el lles mostrase aos
seus servos o que ten que acontecer axiña.
E fixoa coñecer, mandándolla polo seu anxo
ao seu servo Xoán, [2]que é testemuña da pala-
bra de Deus e do propio testemuño de Xesús
Cristo, dicindo canto viu. [3]Benia quen lea e
quen escoite esta profecía e faga caso do que
nela queda escrito, porque está no seu cum-
primento.

### Saúdo aos destinatarios

[4]Eu, Xoán, deséxovos ás sete igrexas de
Asia graza e paz de parte do que é, o que era
e o que está a vir, de parte dos sete espíritos
que están diante do seu trono; [5]e de parte de
Xesús Cristo, a testemuña que merece fe, o
primeiro en renacer da morte e soberano dos
reis da terra.

A aquel que nos ama, que nos liberou dos
nosos pecados co seu sangue [6]e que nos con-
verteu nun reino, en sacerdotes para o seu
Deus e Pai: a el a gloria e mais o poder polos
séculos dos séculos. Amén.

[7]*Velaquí vén nas nubes*,
e todo ollo o verá,
mesmo aqueles que *o traspasaron:*
por el baterán no peito
todas as razas *da terra*.
Certo. Amén.

[8]"Eu son o Alfa e o Omega, di o Señor
Deus, o que é, o que era e o que está a vir, o
que todo o sostén".

### Liturxia introdutoria. Visión vocacional do autor

[9]Eu, Xoán, voso irmán e compañeiro no
sufrimento, no reino e na esperanza en Xe-
sús, estaba na illa chamada Patmos, por
cousa da palabra de Deus e do testemuño de
Xesús. [10]Caín en arroubo o día do Señor e
oín detrás miña un berro forte, coma dunha
trompeta, [11]que dicía:

–O que vas ver escríbeo nun libro e mán-
dallelo ás sete igrexas: a de Éfeso, a de Es-
mirna, a de Pérgamo, a de Tiátira, a de Sar-
des, a de Filadelfia e a de Laodicea.

[12]E dei a volta para ver de quen era a voz
que me falaba e, ao virar, vin sete candela-

**1**, 1-3 É a introdución a este libro e fai inclusión literaria co final (**22**, 6-21). O termo "apocalypsis", que se traduce por "revelación", é ben coñecido no grego literario e na tradución grega dos LXX. Usouse na Igrexa primitiva para designar a manifestación gloriosa de Cristo á fin dos tempos (Rm **2**, 5; **8**, 19; 1 Cor **1**, 7; 1 Pe **1**, 7. 13). Este mesmo termo serve de título á obra, recollendo estas connotacións da teoloxía da Igrexa primitiva.
**1**, 1 É unha fórmula característica do xénero literario apocalíptico, que quere expresar a inminencia e irrevogabilidade do plan de Deus sobre a historia.
**1**, 2 As visións son a forma habitual da revelación na literatura apocalíptica.
**1**, 3 É a primeira das sete benaventuranzas que se gradúan no libro (**14**, 13; **16**, 15; **19**, 9; **20**, 6; **22**, 7. 14) e ten relación coa de **22**, 7. *Profecía*: cf Introd.
**1**, 4-8. O autor comeza e remata (**22**, 21) a obra ao xeito dunha carta cristiá típica do seu tempo: dá o seu nome, saúda aos destinatarios e deséxalles "graza e paz"; logo segue un himno litúrxico que nestes casos se dirixe a Cristo e, por último, aparece o anuncio do tema do libro na forma de oráculo profético (v. 7) referendado por Deus (v. 8).
**1**, 4 Son as sete igrexas, ás que dirixen as cartas dos cc. **2-3**, comunidades situadas na bisbarra de Éfeso; pero, tendo en conta que o número sete indica a plenitude na linguaxe simbólica dos libros apocalípticos, débese supoñer que o contido do libro é válido para todos e para sempre.
O texto de **1**, 4 é unha fórmula que se repite en **1**, 8; **11**, 17; **16**, 5. Emprega un apelativo de Deus que recolle a tradición de Éx **3**, 14, onde Deus lle revela a Moisés o sentido do seu nome como "Eu son o que son".
**1**, 7 O texto é unha cita interpretada de Dn **7**, 13: Cristo cabaleiro das nubes é quen provoca o arrepentimento (bater no peito) dos inimigos e de todas as razas da terra, perseguidoras da Igrexa e polo mesmo hostís a Xesús Cristo. Este arrepentimento permitirá que Cristo os vivifique.
**1**, 8 *Alfa e Omega*: a primeira e a derradeira letras do alfabeto grego. Neste caso teñen valor simbólico do principio e a fin ou, mellor, do principio, da fin e da totalidade. Aquí e en **21**, 6 aplícase a Deus; en **1**, 17; **2**, 8; **22**, 13 aplícaselle a Xesús Cristo.
A expresión "pantocrátor", que, dentro do N. T. só aparece neste libro e en 2 Cor **6**, 18, traducímola sempre por *o que todo o sostén*, atendendo tanto á filoloxía coma ao carácter simbólico do libro, co que cadra ben esta imaxe forte.
**1**, 9-20 De acordo co estilo dos libros dos profetas do A. T., o autor presenta aquí, ao comezo, a súa visión vocacional. Nunha éxtase recibe o encargo de escribir o que ve (vv. 9-11); logo aparéceselle Cristo glorioso como fonte e Señor da vida da Igrexa (vv. 12-16) que lle repite a encomenda (vv. 17-20).
**1**, 10 *O día do Señor*: o domingo, pero coa connotación dunha intervención especial de Deus, principalmente a decisiva, a escatolóxica.
**1**, 12 Alusión ao candelabro de sete brazos que estaba no santuario de Xerusalén e que ardía decote diante do Señor: Éx **25**, 31-40; **27**, 20-21.

bros de ouro [13]e no medio dos candelabros *unha figura humana vestida cunha túnica talar* e cunha faixa de *ouro cinguida* á altura do peito. [14]*A súa cabeza* e os seus *cabelos eran brancos coma a la* branca, *coma a neve*; e *os seus ollos*, coma chama de *lume*; [15]*os seus pés semellantes ao metal*, cando se pon roxo na forxa; *o seu falar, coma o bruído do mar*. [16]Na man dereita tiña sete estrelas e da boca saíalle unha espada de dous fíos ben afiada. A cara resplandecíalle coma o sol cando dá con toda a súa forza.

[17]Ao velo, caín aos seus pés coma morto. Pero el puxo a súa man dereita sobre min e díxome:

–Non teñas medo. Eu son o Primeiro e o Último, [18]o que vive; estiven morto pero repara en que estou vivo polos séculos dos séculos e teño as chaves da Morte e do lugar dos mortos. [19]Escribe, logo, todo o que ves, o que hai e o que ha vir despois disto. [20]O segredo misterioso das sete estrelas que ollas na miña man dereita e dos sete candelabros de ouro é este: as sete estrelas son os anxos das sete igrexas e os sete candelabros son as sete igrexas.

## PARTE EXHORTATIVA: AS SETE CARTAS

### A carta á Igrexa de Éfeso

**2** [1]Ao anxo da Igrexa de Éfeso escríbelle: Isto di quen apreixa coa súa dereita as sete estrelas, quen pasea entre os sete candelabros de ouro: [2]Coñezo as túas obras e fatigas e mais a túa enteireza e vexo que non podes aturar os malos. Puxeches a proba aos que se teñen por apóstolos sen seren apóstolos e ti atopáchelos falsos. [3]Eu sei ben que tes esperanza e paciencia e por iso aguantaches por causa miña e non estás canso. [4]Pero teño contra ti que perdiches o teu amor primeiro. [5]Acórdate de onde caíches: arrepíntete e ponte a facer as obras de antes. Porque che vou vir cambiar o teu candelabro de sitio, caso de non te arrepentires. [6]Aínda que unha cousa tes a teu favor: que aborreces a conduta dos nicolaítas, que eu tamén aborrezo.

[7]Quen teña oídos, escoite o que o Espírito lles di ás igrexas. Ao vencedor heille dar a comer da árbore da vida, que está no xardín de Deus.

**1**, 13 *Unha figura humana*: lit. "a un semellante a fillo de home". É unha alusión ao símbolo apocalíptico de Dn **7**, 13-14, frecuente na literatura apocalíptica xudía para indicar un ser misterioso escatolóxico, executor do plan de Deus, rei e xuíz.

A *túnica talar* e a *faixa de ouro* son vestidos típicos do sumo sacerdote (Éx **28**, 4).

**1**, 14 Os atributos que lle dá Daniel ao "ancián de días" en Dn **7**, 9, aplícanselle a Xesús Cristo resucitado e glorioso. A brancura significa aquí a maxestade; este é o xeito de poñer de relevo no libro a divindade de Cristo: aplicarlle a el os atributos que o A. T. refire a Deus (cf **1**, 18; **2**, 8; **5**, 12; **22**, 13).

**1**, 16 *Sete estrelas*: é imaxe do paganismo: Mitra e mais o César teñen na súa man dereita sete estrelas, símbolo do seu dominio universal; pero quen ten realmente este dominio universal é o Xesús glorioso.

*Espada*: a palabra de Cristo xulga o cristianismo (**2**, 12. 16) e o paganismo (**19**, 15. 21; cf Sab **18**, 15; Is **11**, 4; **49**, 2; Ef **6**, 17; Heb **4**, 12).

**1**, 17 *O Primeiro e o Último*, o que vive: En Ez **44**, 6; **48**, 12 aplícaselle este título a Deus; aquí e en **2**, 8; **22**, 13 aplícaselle a Cristo.

**1**, 20 Pódense considerar como os responsables das comunidades (anxo é o mandado de Deus) ou como unha personificación espiritual das comunidades, tendo en conta o gusto dos escritores apocalípticos polo dobre plano paralelo das realidades celestes e terrestres. A imaxe das igrexas e dos seus anxos na man de Xesús é netamente escatolóxica: a nosa vida espiritual está nas mans de Cristo, baixo a súa protección e cura.

**2**, 1-**3**, 22 É a sección central desta primeira parte exhortativa, composta por un setenario de cartas ás devanditas igrexas; as sete cartas teñen a mesma estrutura literaria, que consta destes elementos: 1) orde de Cristo ao profeta de escribirlle á Igrexa; 2) presentación da carta como dito de Xesús Cristo; 3) coa fórmula "coñezo as túas obras", introdúcense as diferentes situacións das igrexas (en cinco delas son obras positivas, pero na quinta e na sétima as obras son negativas); en todas as cartas aparece unha exhortación ao arrepentimento, menos na segunda e cuarta; na sexta a exhortación é á fidelidade ao que recibiron; 4) a fórmula exhortativa fixa: "quen teña oídos escoite o que o Espírito lles di ás igrexas" é xa coñecida nos evanxeos sinópticos; 5) coa fórmula "ao vencedor heille dar" introdúcese o premio escatolóxico de quen acepte a exhortación de Xesús.

**2**, 6 Aparece nesta primeira a conduta dos nicolaítas (**2**, 6), e na terceira "a doutrina dos nicolaítas" (**2**, 15). O mesmo ca en Núm **25**, 1-2; **31**, 36 atopamos unha situación de luxuria que leva á infidelidade relixiosa, tamén no ambiente destas comunidades da pequena Asia atopamos os prostíbulos sacros porta con porta cos templos pagáns e os banquetes sacros con carne sacrificada a estes deuses. Por isto o vidente, profundo coñecedor do A. T., interpreta a situación contemporánea á luz do texto de Núm. A situación destas comunidades asiáticas é a dun certo relaxo sexual nos centros de culto pagán e a dunha certa participación no culto pagán pola forma de comer a carne inmolada aos ídolos. Os engaiolados con estes costumes teñen os seus dirixentes, que se cren mandados por Deus e posuídos de espírito profético; pero, ben mirado, son axentes diabólicos das seitas gnósticas, que buscan a superación destas normas de conduta moral polo descubrimento de Deus en si mesmos, pola unión intelectual e contemplativa de Deus.

**2**, 7 Cf **22**, 2. 14; Xén **2**, 9. O paraíso pechado en Xén **3**, 22. 24 habíase abrir nos tempos mesiánicos, segundo a literatura apocalíptica xudía (cf o apócrifo Testamento de Leví, **18**, 10-11).

### A carta á Igrexa de Esmirna

[8]Ao anxo da Igrexa de Esmirna escríbelle:
Isto di o Primeiro e o Último, o que estivo
morto pero volveu á vida: [9]Coñezo o teu su-
frimento e a túa pobreza aínda que es rico e
a maledicencia contra ti dos que se teñen por
xudeus sen seren xudeus pero que si son *sina-*
*goga de Satanás*. [10]Non teñas medo ningún do
que vas sufrir. Ollade que Satán vos ha meter
a algúns de vós no cárcere, para vos poñer a
proba e teredes sufrimento dez días. Pero man-
tente fiel ata a morte e dareiche a coroa da vida.
[11]Quen teña oídos, escoite o que o Espíri-
to lles di ás igrexas. Ao vencedor prométolle
que non o vai danar a morte segunda.

### A carta á Igrexa de Pérgamo

[12]Ao anxo da Igrexa de Pérgamo escríbelle:
Isto di quen ten a espada de dous fíos ben
afiada: [13]Sei que onde vives é onde Satanás
ten o seu trono e que te mantés firme comigo
e non negaches a fe en min nin cando Anti-
pas, o meu mártir que tamén fiaba en min,
caeu asasinado aí onda vós, onde vive Sata-
nás.
[14]Pero teño contra ti unhas poucas cousas:
que tes aí algunha xente enleada coa doutrina
de Balaam, que ensinaba a Balac a escanda-
lizar aos fillos de Israel, incitándoos a comer
carne sacrificada aos ídolos e a darse á prosti-
tución. [15]Así tamén ti tes algúns que profesan
a doutrina dos nicolaítas. [16]Arrepíntete, que,
como non o fagas, vou vir axiña e loitarei
contra eles coa espada da miña boca.
[17]Quen teña oídos, escoite o que o Espírito
lles di ás igrexas. Ao vencedor heille dar do
maná escondido e tamén unha pedriña bran-
ca; e escrito na pedriña un nome novo que
ninguén coñece, fóra daquel que a recibe.

### A carta á Igrexa de Tiátira

[18]Ao anxo da Igrexa de Tiátira escríbelle:
Isto di o Fillo de Deus, que ten os seus
ollos coma a chama do lume e os pés seme-
llantes ao metal: [19]Coñezo as túas obras, o teu
amor, a túa fe, o teu servizo, a túa enteireza e
as túas obras últimas, que son máis grandes
ca as primeiras.
[20]Pero teño contra ti que deixas que unha
muller, Iezabel, se poña o título de profeti-
sa, que ensine e que engaiole os meus servos
para que se dean á prostitución e a comeren
carne sacrificada aos ídolos. [21]Deille tempo
para se arrepentir, pero ela non se quere arre-
pentir da súa prostitución. [22]Ides ver como a
vou encamar, e aos que se dean á prostitución
con ela voulles mandar un gran sufrimento, a
menos que se arrepintan das obras dela; [23]e os
fillos dela vounos matar cun andazo.
Así coñecerán todas as igrexas que eu son
o que sonda os sentimentos e as intencións
e o que vos dá a cadaquén segundo as vosas
obras. [24]Pero a vós, aos de Tiátira que non
sodes desta doutrina e que non coñecedes os
profundos misterios de Satanás como eles
din, dígovos que non vos impoño outro peso.
[25]Unicamente que vos agarredes ben ao que
tedes, ata que eu volva.
[26]Ao vencedor, a quen practique ata a fin
as miñas obras,
*heille dar poder sobre os xentís,*
[27]e *ha de os gobernar cun caxato de ferro*,
*e escachizaraos coma unha ola de barro*,
[28]o mesmo que eu recibín poder do meu
Pai; e heille dar o luceiro da alba.
[29]Quen teña oídos escoite o que o Espírito
lles di ás igrexas.

### A carta á Igrexa de Sardes

**3** [1]Ao anxo da Igrexa de Sardes escríbelle:
Isto di quen ten os sete espíritos de Deus
e as sete estrelas: Coñezo as túas obras; tes
sona de estar vivo, pero estás morto. [2]Ponte
alerta, fortalece o que aínda che queda sen
morrer, porque non atopei perfectas as túas
obras diante do meu Deus. [3]Acórdate, logo,

**2**, 10 Cf Dn **1**, 12. 14: persecución curta.
**2**, 11 *A morte segunda* é a condenación eterna (**20**, 6. 14; **21**, 8).
**2**, 13 En Pérgamo había o templo do deus Esculapio, onde se representaba o deus por unha serpe, coma Satanás en **12**, 9.
**2**, 16 *A espada* é un dos temas culturais, típico da literatura apocalíptica.
**2**, 17 *Maná*: o alimento celeste e memorial da preocupación de Deus polo pobo, gardouse na Arca da Alianza (Éx **16**, 32-34); e, segundo 2 Mac **2**, 4-8, volveuno gardar Xeremías no monte Nebo. Segundo os escritos xudeus postbíblicos volverase atopar no "día do Señor". Conforme isto "dar o maná" é comunicar definitivamente os bens mesiánicos. En Xn **6**, 31-58 o maná significa a Eucaristía, alimento e anticipo da escatoloxía.
*Pedriña*: un amuleto de protección contra os poderes maléficos, co nome de Xesús Cristo que baixará do ceo e protexerá a quen a reciba no seu camiñar ata a gloria eterna. Aparece o tema na literatura xudía e ten unha marcada significación escatolóxica.
**2**, 18 Cf **1**, 14-15; Dn **10**, 6.
**2**, 20-21 Cf nota ao v. 6.
**2**, 23 *O que sonda*: lit. "quen le nos riles e nos corazóns", título de Deus no A. T. (Sal **7**, 10; Xer **11**, 20; **17**, 10; **20**, 12), aplicado aquí a Xesús Cristo.
**2**, 26b-27 Cita do Salmo mesiánico **2**, 8-9: os cristiáns son asociados ao poder real de Xesús Cristo.
**2**, 28 Segundo **22**, 16 é o mesmo Xesús Cristo, que se lle dará a quen venza. Xa no A. T. a estrela é sinal mesiánico.
**3**, 3 Cf Mt **24**, 42 ss. e paralelos; **25**, 13 e parl.; Lc **12**, 39s; 1 Tes **5**, 2; Ap **16**, 15.

do que recibiches e escoitaches: gárdao e arrepíntete, que, como non vixíes e esteas á espreita, vou vir coma ladrón e non vas saber a que hora vou caer sobre ti.

[4]Pero tes unhas poucas persoas en Sardes, que non lixaron os seus vestidos. Estas han pasear comigo vestidas de branco, porque son dignas. [5]O vencedor vaise vestir así con vestidos brancos e endexamais non borrarei o seu nome do libro da vida e responderei por el diante do meu Pai e diante dos seus anxos.

[6]Quen teña oídos, escoite o que o Espírito lles di ás igrexas.

### A carta á Igrexa de Filadelfia

[7]Ao anxo da Igrexa de Filadelfia escríbelle:
Isto di o Santo, o Verdadeiro,
quen ten *a chave de David,*
*quen, se el abre, ninguén pecha,*
*e, se el pecha, ninguén abre:*

[8]Coñezo as túas obras olla que te puxen diante dunha porta ben aberta, que ninguén pode pechar; coñezo que tes pouca forza, e mesmo así, cumpriches a miña palabra e non me negaches. [9]Vas ver que che vou entregar algúns da sinagoga de Satanás, dos que din que son xudeus pero que non o son, porque menten. Vas ver que os vou facer poñerse aos teus pés e recoñecerán que eu te amo.

[10]Como ti gardaches as miñas palabras con perseveranza, tamén eu te gardarei a ti no intre da proba, que está a vir sobre todo o mundo, para pór a proba a toda a xente. [11]Virei axiña. Agarra ben o que tes, para que ninguén che colla a túa coroa.

[12]Ao vencedor fareino columna do templo do meu Deus e prometo que xa non sairá fóra del; e escribirei nel o nome do meu Deus e o nome da cidade do meu Deus, da nova Xerusalén, a que baixa do ceo, de onda o meu Deus, e escribirei nel o meu nome novo.

[13]Quen teña oídos, escoite o que o Espírito lles di ás igrexas.

### A carta á Igrexa de Laodicea

[14]Ao anxo da Igrexa de Laodicea escríbelle:
Isto di o Amén, a testemuña fiel e lexítima, o comezo da creación de Deus: [15]coñezo as túas obras: ti non es frío nin quente. Quen me dera que foses frío ou quente! [16]Pero, por seres morno, nin frío nin quente, voute vomitar da miña boca. [17]Porque dis: "Son rico, xa teño fartura e non preciso de nada"; pero ti non sabes que es unha besta, dás mágoa, es un mendigo cego e espido.

[18]Aconsélloche que merques ouro do meu, que se acaba de aquilatar no lume, para te poñeres rico; e que merques roupa branca, para vestires ben e para que non se vexa a vergonza da túa nudez; e que merques colirio para untar os teus ollos e así poderes ver. [19]Que eu a quen lles quero ben, rífolles e corríxoos. Ponte de xenio e convértete! [20]Mira que hai tempo que estou a petar na túa porta. Se alguén escoita a miña voz e abre a porta, eu entraría cabo del e cearía con el e el comigo. [21]Ao vencedor outorgareille sentar onda min no meu trono, do mesmo xeito que tamén eu vencín e sentei cabo do meu Pai no seu trono.

[22]Quen teña oídos, escoite o que o Espírito lles di ás igrexas.

**3**, 5 É o rexistro dos que teñen a vida, dos xustos (Éx **32**, 32-33; Sal **69**, 29; Dn **12**, 1; Mal **3**, 16). Na Ap é unha imaxe moi frecuente (**13**, 8; **17**, 8; **20**, 12. 15; **21**, 27).
**3**, 7 *Santo* e *Verdadeiro*: cf Is **6**, 3; **40**, 25; **65**, 16; Hab **3**, 3. Na forma absoluta que presentan, indican a divindade de Xesús Cristo. A cita está tomada de Is **22**, 22.
*A chave de David* é a chave do reino mesiánico, sobre o que Xesús Cristo ten poder absoluto, omnímodo e inapelable.
**3**, 10 *Con perseveranza*: lit. "as palabras da miña perseveranza".
**3**, 12 No xudaísmo serodio, a Abraham e aos xustos de Israel chámaselles "columnas"; e na primitiva Igrexa, cualifícanse así aos apóstolos (Gál **2**, 9; Ef **2**, 19-22; 1 Pe **2**, 5). Aquí dáselle ese nome aos xustos definitivamente salvados, que posúen unha firmeza inconmovible.
**3**, 14 *Amén*: en Is **65**, 16 é un apelativo de Deus, o Deus do Amén, con sentido de firmeza, solidez, certeza, o Deus da resposta firme ao que prometeu e dixo; neste mesmo sentido aplícase a Xesús Cristo que é o Amén das profecías e proxectos de Deus (2 Cor **1**, 19-20); e no mesmo sentido usámolo os cristiáns na liturxia, como o fixeron e fan os xudeus.
**3**, 20 A imaxe de petar na porta e abrir pertence á tradición sinóptica (Lc **12**, 36ss; cf Ct **5**, 2).
**3**, 22 Cf Mt **19**, 28; Lc **22**, 30; Ap **20**, 4.

# PARTE APOCALÍPTICA
## PRIMEIRA SECCIÓN:
## LITURXIA INAUGURAL: O TRONO DE DEUS E DO AÑO

**4** [1]Despois disto mirei e vin unha porta
aberta no ceo; e a primeira voz, que oíra
coma unha trompeta, falando comigo, dicíame:
–Sube aquí que che vou amosar o que ten
que acontecer despois disto.
[2]Axiña caín en arroubo. E velaquí un trono posto no ceo e un sentado no trono. [3]A
aparencia do que estaba sentado era coma a
pedra de xaspe e de sardónica e cunha aureola arredor do trono, semellante ao aspecto
da esmeralda. [4]Arredor do trono vin vinte e
catro tronos e, sentados nos tronos, vinte e
catro anciáns, vestidos de roupas brancas e
coroas de ouro nas súas cabezas. [5]Do trono
saían lóstregos, berros e trebóns. Sete fachos
de lume ardían diante do trono, que son os
sete espíritos de Deus. [6]Había diante do trono
coma un mar resplandecente, semellante ao
cristal. E diante do trono e arredor do trono,
catro animais, cheos de ollos por diante e por
detrás. [7]O primeiro animal, igual ca un león;
o segundo, semellante a un xato; o terceiro,
tiña a cara coma de home; e o cuarto, semellante a unha aguia voando. [8]E cada un destes
catro animais tiña seis ás, cheas de ollos en
todo o arredor e por fóra. Non tiñan acougo
nin de día nin de noite, proclamando:

–*Santo, Santo, Santo,*
*Señor Deus, que todo o sostén*,
o que era, o que é e o que está a vir.

[9]E cada vez que lle daban gloria, honra
e grazas a quen está sentado no trono, que
vive polos séculos dos séculos, [10]os vinte e
catro anciáns axeonllábanse ante o que está
sentado no trono e adoraban o que vive polos
séculos dos séculos e botaban diante do trono
as súas coroas, dicindo ao mesmo tempo:

[11]–Merecente es, noso Señor e Deus,
de recibir gloria, honra e poder,
porque ti es quen o creaches todo:
pola túa vontade existe e foi creado.

**5** [1]E vin na dereita do que estaba sentado
no trono un libro escrito por fóra e por
dentro, pechado con sete selos. [2]E vin un
anxo forte, que clamaba con gran voz:
–Quen pode abrir o libro e desenlear os
seus selos?
[3]E ninguén no ceo nin na terra nin debaixo
da terra, daba aberto o libro nin lido nel. [4]E
eu choraba moito, porque non se atopaba
ninguén digno de abrir o libro nin de ler nel.
[5]Pero díxome entón un dos anciáns:
–Non chores, velaí o león da raza de Xudá
e cativo da raíz de David: venceu, e deste
xeito pode abrir o libro e os seus sete selos.

**4**, 2 Non se di o nome de Deus senón que, ao xeito da literatura xudía, indícase co trono e co que está sentado nel, segundo os profetas do A. T., que usan esta imaxe para indicar a realeza e o poder xudicial de Deus (Is **6**, 1; **66**, 1; Ez **1**, 26; **10**, 1).

**4**, 3 Non se fai unha descrición de Deus coma nas apocalipses xudías, senón unha insinuación da súa gloria, recalcando a distante analoxía co termo "semellante".

**4**, 4 *Vinte e catro anciáns*: representan o pobo fiel na liturxia celeste, son unha tipificación: loan e tributan a Deus a súa homenaxe (**4**, 9-11; **5**, 8-11. 14; **11**, 16-18; **19**, 4) e preséntanlle as oracións dos fieis (**5**, 8).
O número vinte e catro resulta alleo aos escritos apocalípticos xudeus e ao valor simbólico dos números na literatura do medio Oriente antigo pero moi ben se pode orixinar de 12+12: as doce tribos do pobo da Alianza antiga, máis doce que representan o pobo da Nova Alianza. Serían polo tanto unha creación orixinal do autor. Aparecen magnificamente esculpidos no tímpano do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.

**4**, 5 *Lóstregos, berros, trebóns...:* Son os signos tradicionais das teofanías, que expresan o poder e a gloria de Deus (**8**, 5; **11**, 19; **16**, 18; Ex **19**, 16; Ez **1**, 13).

**4**, 6 O xudaísmo dos últimos séculos antes de Xesús Cristo chegou á idea dun mar de cristal sobre o primeiro ceo (atmosfera), onde tiña o seu posto o templo celeste de Deus (Xén **1**, 7; Sal **137**, 4; Ez **1**, 22). As expresións *coma un mar, semellante ao cristal*, expresan a transcendencia non só de Deus senón mesmo das cousas que o rodean e que son profundamente diferentes das nosas cousas.

**4**, 6-7 *Os catro animais* coidamos que son catro deuses do panteón cananeo.
Estas divindades pagás preséntanse como sometidas a Deus, e dísenos que loan a Deus día e noite (v. 8); as forzas vivas do mundo, as forzas de toda a terra, as forzas xerminais dos astros e da chuvia, as forzas maléficas dos aires están ao servizo da liturxia do Señor, o único Deus. É verdade que estes deuses non son nada; pero as forzas que eles representan son algo real, e por isto Xoán, seguindo o A. T. (Ez **1**), desmitifica estas divindades e déixaas en simples forzas.

**4**, 8 *As seis ás* están tomadas de Is **6**, o mesmo ca o trisaxio que segue.

**4**, 10 O canto destas forzas da natureza suscita na comunidade celeste (representada polos vinte e catro anciáns) outro canto ao Deus creador destas forzas; dese xeito a desmitificación é completa.

**5**, 1 *Os sete selos* que o cerran queren significar que está completamente selado, como cousa divina que é.

**5**, 4 Os choros do vidente son ben comprensibles en tempos de persecución, cando non é moi doado verlle sentido á propia vida.

6E vin no medio do trono e dos catro animais
e diante dos anciáns, un Año en pé, coma se
estivese degolado, con sete cornos e sete ollos,
que son os sete espíritos de Deus, mandados a
toda a terra. 7O Año achegouse ao trono e reci-
biu o libro da man dereita de quen está sentado
no trono. 8Cando o colleu, os catro animais e
os vinte e catro anciáns axeonlláronse diante
do Año, con cadansúa cítara e con frascos de
ouro cheos de perfumes, que son as oracións
do pobo santo. 9E cantaban un canto novo:

—Ti es merecente de recibir o libro,
e de abrir os selos,
porque te degolaron e adquiriches
para Deus co teu sangue
xentes de toda raza, lingua, pobo e nación,
10e fixeches deles un reino de sacerdotes
para o noso Deus e reinarán na terra.

11E vin e oín a voz de moitos anxos arredor
do trono e dos animais e dos anciáns: o nú-
mero deles era de milleiros e milleiros. 12Pro-
clamaban con forte voz:

—Merecente é o Año, por estar degolado,
de recibir o poder, a riqueza,
a sabedoría, a forza,
a honra, a gloria e a bendición.

13E oín que todas as criaturas que están no
ceo e na terra e debaixo da terra e enriba do
mar e todas as cousas que hai nelas, procla-
maban:

—Para quen está sentado no trono
e para o Año:
a bendición, a honra, a gloria e o poder
polos séculos dos séculos.

14E os catro animais dicían: —Amén.
E os anciáns caeron en adoración.

## SEGUNDA SECCIÓN:
## ÁBRESE O LIBRO SELADO CON SETE SELOS

### Os catro primeiros selos: os catro cabaleiros

**6** 1E mirei, cando o Año abriu o primeiro
dos sete selos, e oín que un dos catro ani-
mais berraba con voz de trebón:

—Ven!

2E mirei e vin un cabalo branco. O seu ca-
baleiro tiña un arco. Déuselle unha coroa e
saíu como vencedor e para seguir vencendo.
3E cando abriu o segundo selo, oín que o se-
gundo animal dicía:

—Ven!

4E saíu outro cabalo vermello. Ao seu ca-
baleiro déuselle poder de quitar a paz da terra
e facer que se degolen uns aos outros e déu-
selle tamén unha espada grande.

5E cando abriu o terceiro selo, oín que o
terceiro animal dicía:

—Ven!

E mirei e vin un cabalo negro. O seu caba-
leiro tiña unha balanza na man. 6E oín algo,
coma se fose un berro, no medio dos catro
animais, que dicía:

—Un cuarto de ferrado de trigo por un de-
nario; e tres cuartos de ferrado de cebada por
un denario! Pero ao aceite e ao viño non lles
fagas mal.

7E cando abriu o cuarto selo, oín a voz do
cuarto animal, que dicía:

—Ven!

8E mirei e vin un cabalo cardoso. O seu
cabaleiro chámase Morte e seguíao o Hades.
Déuselle o poder sobre a cuarta parte da te-
rra, para matar coa espada, coa fame, co an-
dazo e coas feras da terra.

**5**, 6 O Año está na gloria, e vivo; pero conserva os sinais da súa morte sacrificial. Ten a plenitude do Espírito de Deus (Is **11**, 2): a plenitude de poder (sete cornos, cf Dt **33**, 17; Dn **7**, 7-24) e a plenitude do coñecemento (Zac **4**, 10).

**5**, 7-14 Estes vv. serven para describir a entronización do Año e o seu señorío dos destinos da historia nestes tempos últimos. Os tres cantos que seguen son os cantos de entronización.

**5**, 8 As forzas da natureza (*catro animais*) e a Igrexa celeste (*vinte e catro anciáns*) preséntanse en adoración e preparados para o canto de entronización.

*Do pobo santo*: lit. "dos santos", é dicir, dos cristiáns.

**5**, 11 *Milleiros e milleiros*: lit. "miríadas de miríadas e milleiros de milleiros".

**6**, 1-7 Contén a apertura dos catro primeiros selos, cunha estrutura literaria ben fixa: "cando abriu", "selo", "animal " dicía: "Ven", "cabalo", "o cabaleiro".

**6**, 9 Os donativos cristiáns están baixo o altar celeste, do que é imitación o altar dos holocaustos do templo de Xerusalén; o seu martirio é considerado aquí un holocausto (Flp **2**, 17; 2 Tim **4**, 6). As ánimas están no sangue vertido ao pé do altar (cf Lev **17**, 11. 14; Dt **12**, 23).

**6**, 11 Os vestidos brancos son sinal da vitoria e da súa vida gloriosa.

**6**, 12-14. Ao abrirse o sexto selo segue a visión profética da chegada do gran día de Deus (v. 17), que se presenta nesta primeira parte coas imaxes típicas da tradición profética e apocalíptica a propósito deste día (cf Is **13**, 10; **34**, 4; **50**, 3; Nah **3**, 2; Mt **24**, 29 e paralelos).

**6**, 1-17 Aínda que, á primeira vista, poida parecer que as dúas visións deste capítulo rompen a serie dos sete selos, na intención do autor son esenciais, xa que provocan o contraste tan significativo entre a protección de Deus aos seus servidores aquí no mundo (vv. 1-8) e a situación tan desesperada que acaba de presentar. A visión dos vv. 9-17 é unha visión da liturxia celeste, e ten a finalidade de animar aos cristiáns a seguiren fieis na persecución.

**O quinto selo: os mártires chaman a Deus**

[9]E cando abriu o quinto selo, vin baixo
o altar as ánimas dos degolados por mor da
palabra de Deus, e por gardaren ben o seu
testemuño. [10]E a grandes berros preguntaron:
–Ata que día, noso Dono santo e verda-
deiro tardarás en facer xustiza e en vingar o
noso sangue contra os veciños da terra?
[11]Déuseslles cadanseu vestido branco e
díxoselles que parasen unha miga, ata que se
completase o número dos seus compañeiros
e irmáns, que os ían matar axiña como os ma-
taran a eles.

**O sexto selo: intervención terrible de Deus**

[12]E vin, cando abriu o sexto selo, que hou-
bo un gran terremoto. O sol virou mouro
coma un pano de picote e a lúa volveuse en
sangue. [13]As estrelas do ceo caeron na terra,
como a figueira solta os seus figos cando zo-
rrega nela un gran vento. [14]O ceo retirouse
coma un rolo de pergamiño cando se recolle,
e todos os montes e illas se moveron do seu
posto. [15]Os reis da terra, e os seus grandes, os
xenerais, os ricos, os fortes e todos, servos e
libres, agacháronse nas covas e entre os pe-
nedos dos montes. [16]*E dicíanlles aos montes
e aos penedos:*
–*Caede enriba de nós e ocultádenos* da
presenza do que está sentado no trono e da ira
do Año! [17]Porque chegou o día grande da súa
ira e quen o poderá aturar?

**Pausa meditativa: Marcan os fieis cun sinal**

**7** [1]Despois disto vin catro anxos que
apreixaban, nas catro esquinas da terra,
os catro ventos, para que non bourasen con-
tra a terra, nin contra o mar nin contra as
árbores. [2]E vin outro anxo máis, que tiña o
selo do Deus vivente, subir desde o nacente.
Dicíalles a berros aos catro anxos, a quen se
lles deu poder de danar a terra e o mar:
[3]–Non lles fagades mal á terra nin ao mar
nin ás árbores, ata que marquemos co selo na
testa os servos do noso Deus!
[4]E oín o número dos que tiñan a marca,
cento corenta e catro mil, marcados de entre
todas as tribos dos fillos de Israel.
[5]Da tribo de Xudá, doce mil marcados,
da tribo de Rubén, doce mil marcados,
da tribo de Gad, doce mil marcados,
[6]da tribo de Axer, doce mil marcados,
da tribo de Naftalí, doce mil marcados,
da tribo de Menaxés, doce mil marcados,
[7]da tribo de Simeón, doce mil marcados,
da tribo de Leví, doce mil marcados,
da tribo de Isacar, doce mil marcados,
[8]da tribo de Zebulón, doce mil marcados,
da tribo de Xosé, doce mil marcados,
da tribo de Benxamín, doce mil marcados.

**Cantos de vitoria a Deus e sorte dos seus fieis**

[9]Despois disto mirei e vin un mundo de
xente, que ninguén era capaz de contar, de
todas as nacións, tribos, pobos e linguas, en
pé diante do trono e do Año. Vestían rou-
pa branca e levaban ramallos de palma nas
mans. [10]Proclamaban con grande voz:
–A salvación perténcelle
ao noso Deus, que senta no trono,
e mais ao Año.
[11]Todos os anxos que estaban en pé arredor
do trono, dos anciáns, e dos catro animais,
prostráronse diante do trono para adoraren a
Deus. [12]Proclamaban:
–Amén! A bendición,
a gloria, a sabedoría,
a acción de grazas, a honra,
o poder e mais a forza
perténcenlle ao noso Deus,
polos séculos dos séculos. Amén.
[13]Un dos anciáns preguntoume:
–Quen son e de onde viñeron estes que
van vestidos de roupa branca?
[14]Eu respondinlle:
–Meu Señor, ti xa o sabes.
E díxome:
–Estes son os que veñen de pasar as súas
grandes penas: lavaron os seus vestidos e

**7**, 1 Os semitas pensaban que a terra era cadrada (**20**, 8; Is **40**, 22) e que os ventos que viñan das esquinas eran malignos, mentres que os dos lados eran beneficiosos; os ventos das esquinas son símbolos das forzas destrutoras e presaxio da fin (Xer **49**, 36; Ez **7**, 2; **8**, 8; Zac **2**, 6; **6**, 5; Mc **13**, 27).
**7**, 2 *O nacente* é de onde vén a luz e onde se situaba o paraíso terreal (Xén **2**, 8): por isto o anxo do sinal de Deus vén do nacente.
**7**, 4-8 O número *cento corenta e catro mil* está composto de 12x12x1000; doce é o número perfecto; o segundo doce é o das tribos de Israel; e mil indica unha grande multitude. O número refírese aos membros do verdadeiro Israel.
**7**, 9-17 Divídese en dous parágrafos, separados polo *Amén* do v. 12. O primeiro (vv. 9-12), é quizais unha transposición á liturxia celeste da liturxia da festa das Cabanas; e o segundo parágrafo (vv. 13-17) describe e aclara algúns dos aspectos da felicidade dos fieis na vida celeste.
**7**, 9 *Un mundo de xente...:* alusión, baixo o punto de vista do cumprimento, á promesa feita a Abraham (cf Xén **15**, 5; **32**, 1).
**7**, 12 Este himno, enmarcado entre dous *Amén*, expresa o perfecto acordo dos anxos co canto celeste dos fieis.

branqueáronos co sangue do Año. [15]Por iso
están diante do trono de Deus e adórano día
e noite no seu santuario. E quen está sentado
no trono chantará a súa tenda cabo deles.
[16]*Non terán máis fame nin sede,*
*nin caerá endexamais sobre eles o sol,*
*nin ningunha queimadura* del.
[17]Porque o Año, que está no medio do trono,
*será o seu pastor,*
*levaraos ás fontes de auga,*
*e Deus enxugará* dos seus ollos
*toda bágoa*.

## TERCEIRA SECCIÓN:
## O SÉTIMO SELO E A SERIE DAS SETE TROMPETAS

**8** [1]E cando abriu o sétimo selo, houbo,
coma media hora, un silencio no ceo. [2]E
vin os sete anxos, que están sempre en pé
diante do trono de Deus. Déronselles sete
trompetas.

### Oracións dos fieis pola chegada do Reino, e resposta de Deus

[3]Chegou outro anxo cun incensario de
ouro. Púxose ao pé do altar e déuselle moito
incenso, para que o ofrecese no altar de ouro,
que está diante do trono, coas oracións de
todo o pobo santo. [4]E das mans do anxo que
está diante do trono de Deus, subiu o fume do
incenso coas oracións do pobo santo. [5]Colleu
o anxo o incensario, encheuno co rescaldo do
altar e botouno na terra: houbo lóstregos, be-
rros, tronos e un terremoto.
[6]Entón os sete anxos, que tiñan as sete
trompetas, preparáronse para tocar.

### As catro primeiras trompetas: resposta de Deus

[7]Tocou o primeiro e caeu na terra unha sa-
rabiada de lume mesturado con sangue: ar-
deu a terceira parte da terra e a terceira parte
das árbores e toda a herba verde.
[8]Logo tocou o segundo anxo e botouse
ao mar algo coma un monte grande arden-
do: fíxose sangue a terceira parte do mar [9]e
morreu a terceira parte das criaturas vivas
do mar e esnaquizáronse a terceira parte dos
barcos.
[10]Tocou logo o terceiro anxo e caeu do
ceo unha estrela grande, ardendo en laba-
rada, e caeu sobre a terceira parte dos ríos e
das fontes. [11]A estrela chamábase Asente. E
a terceira parte das augas volveuse en auga
de asente e moitos dos homes morreron por
culpa destas augas, que se volveron amar-
gas.
[12]Logo tocou o cuarto anxo e tremelicou
a terceira parte do sol, a terceira parte da lúa
e a terceira parte das estrelas: escureceuse a
terceira parte de cada un deles, e un terzo do
día non alumou e o mesmo a noite.

### Aviso de ameaza

[13]E mirei e oín o que berraba con voz po-
tente unha aguia, que estaba voando polo
medio do ceo:
—Ai, ai, ai dos veciños da terra, por causa
dos outros toques de trompeta, que tres anxos
van tocar!

**7**, 15 Cf Is **4**, 5-6; Xn **1**, 14. Desde esta expresión ata o final do v. 17, segue unha serie de verbos en futuro que conteñen a promesa de felicidade escatolóxica.
**7**, 16 Is **49**, 10; Ap **21**, 3-4.
**7**, 17 Sal **36**, 10; Is **25**, 8; **40**, 11; Ap **21**, 4.
**8**, 1-2 O mesmo ca nos setenarios que seguen, o último elemento do setenario anterior introduce o setenario seguinte. O silencio do v. 1 ten unha función case escénica de poñer de relevo o contraste entre o sublime da liturxia celeste de **7**, 9-17 e os desastres que anuncian as trompetas do v. 2.
**8**, 3-6 Esta pequena unidade dálle sentido ao setenario das trompetas, que vén ser a resposta de Deus ás oracións dos fieis pola chegada do Reino.
**8**, 3 Este *outro anxo* é o "anxo da paz" doutras apocalipses, intermediario entre Deus e os seres humanos, que presenta a Deus as oracións dos homes (Tob **12**, 15) e realiza neles o plan de Deus.
*O moito incenso* que se lle dá ao anxo é para purificar as oracións dos fieis.
**8**, 5 *Rescaldo*: simboliza a ira de Deus, que se manifestará na terra (Ez **10**, 2; cf Xén **19**, 24).
**8**, 7-12 O toque das catro primeiras trompetas e a apertura dos "catro primeiros selos" están presentados nun paralelismo un tanto apertado: afectan á natureza, non directamente á humanidade; son, con todo, unha chamada ao arrepentimento dos homes, xa que a vida se lles fai insegura. Os fenómenos que seguen ao toque das dúas primeiras e da última trompeta están, en parte, inspirados nas pragas de Exipto, que a literatura antiga considerou modelo e prototipo do castigo de Deus para os que se lle opoñen ao seu plan.
**8**, 11 *Asente*: planta de moito recendo, usada antes na nosa terra para abrir o apetito: a cousa máis amarga que temos coñecido. En Xer **9**, 14; **23**, 15; Lam **3**, 15. 19 aparece nun contexto semellante a este para indicar o castigo de Deus.
**8**, 12 Cf Éx **10**, 21, que é a novena praga de Exipto; en Xl **4**, 15 e Am **8**, 9 anúnciase para a fin.
**8**, 13 *Unha aguia*, en misión de anxo, xa que se presenta voando polo máis alto do ceo, pregoa con tres laios, os tres ais, os toques das tres últimas trompetas. O seu pregón diríxese aos habitantes da terra.

### A quinta trompeta ou o primeiro Ai!: os saltóns

**9** [1]Logo tocou o quinto anxo e vin que unha
estrela caía do ceo na terra. Déuselle a
ela a chave do pozo do abismo; [2]ela abriu-
no e subiu do pozo coma unha fumareda dun
gran forno: escureceuse o sol e mais o aire
por cousa da fumareda do pozo. [3]Logo saíron
da fumareda saltóns pola terra. Déuselles po-
der, coma o que teñen os alacráns da terra, [4]e
díxoselles que non danasen nin a herba dos
campos nin verde ningún nin árbore ningunha
senón unicamente os homes que non tivesen
o selo de Deus na testa. [5]Encargóuselles que
non os matasen, senón que os atormentasen
por cinco meses: o tormento deles era coma
o tormento do alacrán, cando pica no home.
[6]Naqueles días os homes procurarán a morte
e non a atoparán; desexarán morrer, pero a
morte fuxirá deles.

[7]Os saltóns semellaban cabalos aparella-
dos para a guerra: tiñan nas cabezas coma
unhas coroas que parecían de ouro e as caras
coma as caras dos homes; [8]tiñan os cabelos
coma cabelos de mulleres, e os dentes eran
coma os dos leóns; [9]tiñan unhas coirazas
como coirazas de ferro e o zoar das súas ás
era coma estrondo de carros e de moitos ca-
balos correndo para a guerra; [10]tiñan rabos
e aguillóns semellantes aos dos alacráns, e
nos seus rabos tiñan o poder de danar os ho-
mes por cinco meses. [11]Teñen un rei que os
dirixe: o anxo do abismo, que en hebreo se
chama Abaddón e en grego Apolión, o Es-
tragador.

[12]O primeiro Ai! pasou, pero despois deste
aínda virán outros dous Ais!

### A sexta trompeta ou o segundo Ai!: a cabalaría mortífera do demo

[13]Logo tocou o sexto anxo, e oín unha voz,
que viña dos cornos do altar de ouro, que está
diante de Deus. [14]Dicíalle ao sexto anxo, que
tiña a trompeta:

—Solta os catro anxos que están presos
onda o gran río, o Éufrates.

[15]E quedaron soltos os catro anxos, que es-
taban aparellados para mataren a terceira parte
dos homes naquela hora, día, mes e ano. [16]O
número da tropa de cabalaría era de douscen-
tos millóns: eu mesmo oín o número. [17]E nesta
visión os cabalos e os seus cabaleiros aparecían
deste xeito: tiñan coirazas da cor do rescaldo,
violáceo e marelo de xofre; as cabezas dos
cabalos eran coma as cabezas dos leóns, e da
boca saíalles lume, fumareda e xofre. [18]Unha
terceira parte dos homes quedaron mortos con
estas tres pragas: co lume, coa fumareda e co
xofre que saía da boca dos cabalos. [19]Porque
estes cabalos tiñan o poder na boca e no rabo,
pois os rabos, semellantes a cobras, remataban
en cabezas e con elas facían mal.

[20]Quedou un refugallo de homes, que nin
con estas pragas morreron nin se arrepenti-
ron do culto dos deuses falsos. Non deixaron
de adorar os demos e *as imaxes de ouro, de
prata, de bronce, de pedra e de madeira, que
nin* poden *ollar nin oír nin camiñar*. [21]Non
se arrepentiron dos seus homicidios nin das
bruxerías nin da prostitución nin dos roubos.

### O anxo co seu libro profético

**10** [1]E vin que outro anxo forte baixaba
do ceo, envolto nunha nube co arco
iris sobre a súa cabeza; o aspecto da súa cara

**9**, 1 O *pozo do abismo é o* xeol dos libros apocalípticos, unha enorme lagoa de xofre ardendo baixo terra (**20**, 10), comunicada coa superficie da terra por unha boca; nesta lagoa están temporalmente os espíritos malos (Lc **8**, 31).
**9**, 3 Os *saltóns* chegan a seren moitas veces en Palestina unha verdadeira praga para o campo. Aquí a praga de saltóns é un dos castigos demoníacos escatolóxicos.
*Os alacráns* son sinais de forzas demoníacas.
**9**, 4 O poder maléfico destes axentes diabólicos está baixo as limitacións de Deus: diríxese só aos homes non selados co sinal de Deus (**7**, 1-8) e durante un tempo limitado, cinco meses.
**9**, 7ss Nestes vv. descríbense *os saltóns* ao xeito da literatura apocalíptica, especialmente de Xl **2**; todo fai pensar que se trata dunha imaxe apocalíptica, dunha invasión de bárbaros, segundo dan a entender os "cabelos coma cabelos de mulleres" (v. 8), segundo o costume dos pobos bárbaros. Esta invasión descríbese coma un feito diabólico, no que os invasores son demos dirixidos polo príncipe dos demos: *Abaddón* (=destrución). Os acontecementos da historia teñen para Xoán o seu sentido, á vista da súa perspectiva escatolóxica. Estas imaxes envolven a idea do castigo profético nun feito histórico que non esgota en absoluto a súa intención.
**9**, 13-21 Esta visión presenta o castigo dos perseguidores da Igrexa, a mans dos partos, temibles pola súa cabalaría. A descrición dos *cabalos* e dos *cabaleiros* e o número da tropa deixan ver que o feito histórico se transcende nunha perspectiva máis ancha: todas as potencias humanas e sobrehumanas se conxuntan contra quen se opón a Deus e ao seu plan.
**9**, 13 A voz de destrución vén do *altar de ouro*, onde se ofrecen as oracións dos santos (**8**, 3). Deste xeito, o que segue considérase resposta ás oracións dos membros do pobo santo.
**9**, 14 *Os catro anxos* son os anxos da vinganza, típicos da literatura apocalíptica, que actúan segundo as ordes de Deus.
**10**, 1-**11**, 14 Os cc. **10** e **11** son, coma o c. **7**, a contrapartida das visións escatolóxicas de castigo. Preséntannos a situación da comunidade cristiá, cos seus esperanzados anhelos.
**10**, 1 Xoán xa non se sente en arroubo no ceo como ata aquí, senón que se ve na terra, onde ten a visión deste anxo que abrangue o ceo, o mar e a terra, sinal da protección universal da súa mensaxe: descríbese rodeado da gloria (cf **1**, 12-16; Mt **17**, 2ss parl).

era coma o sol e as pernas coma columnas de lume. 2Tiña na man un libriño aberto e puxo o pé dereito no mar e o esquerdo na terra. 3Berrou con toda a forza, coma o brado do león; e, en berrando, falaron os sete tronos coas súas propias voces. 4Despois de falaren os sete tronos estaba eu para escribir, pero oín que unha voz desde o ceo me dicía:

–Garda en segredo o que falaron os sete tronos e non o escribas.

5E o anxo, que eu vira afincado no mar e na terra, *ergueu a súa man dereita cara ao ceo* 6*e xurou:*

–*Por aquel que vive polos séculos* dos séculos, que creou o ceo e canto hai nel, a terra e canto hai nela, o mar e canto hai nel: Xa non haberá máis demora!; 7pero nos días en que apareza a voz do sétimo anxo, cando estea para tocar a trompeta, hase de cumprir o Misterio de Deus, tal como El llelo anunciara, como boa nova, aos seus servos, os profetas.

8E a voz que oíra desde o ceo volveu falar comigo para me dicir:

–Vai e colle o libriño aberto, que ten na man o anxo que está afincado no mar e na terra.

9Fun onda o anxo dicirlle que me dese o pequeno libro e el respondeume:

–Cólleo e engóleo todo: hache amargar no ventre pero na boca hache ser doce coma o mel.

10Eu collín o libriño da man do anxo e engulipeino de vez e fixoseme na boca doce coma o mel, pero de que o comín enchéuseme de amargor o ventre. 11E dixéronme:

–Cómpre que volvas profetizar para moitos pobos, xentes, linguas e reis.

### O santuario e as dúas testemuñas

**11** 1Déuseme unha canivela da feitura dunha vara de medir, dicíndome:

–Érguete e mide o santuario de Deus e mais o seu altar e mide os que adoran no santuario. 2Mais o adro que está fóra do santuario déixao de lado e non o midas, que llelo deron aos pagáns, que pisarán a cidade santa durante corenta e dous meses. 3Eu permitireilles ás miñas dúas testemuñas que fagan de profetas durante mil douscentos sesenta días, vestidas con roupa feita de sacos. 4Estas son as dúas oliveiras e os dous candelabros, que están ergueitos diante do Señor do mundo. 5E se alguén lles quere facer mal, sairá das súas bocas lume que devorará os seus inimigos; se alguén lles quixer facer mal, cómpre que morra deste xeito. 6Eles teñen poder para pechar o ceo, de xeito que non chova durante os días do seu profetizar. Teñen poder de converter a auga en sangue e de castigar a terra con calquera tipo de praga cantas veces queiran. 7Pero, cando acaben o seu testemuño, a fera que sobe do abismo loitará contra eles, venceraos e mataraos. 8E os seus cadáveres quedarán na praza da gran cidade, que se chama en linguaxe simbólica Sodoma e Exipto, onde tamén foi crucificado o seu Señor. 9Xentes de diferentes pobos, tribos, linguas e nacións ollarán para os seus cadáveres durante tres días e medio e non deixarán poñer os cadáveres no sartego. 10Os habitantes da terra alegraranse e brincarán de alegría e mandaranse regalos uns aos outros, porque aqueles dous profetas atormentaran os habitantes da terra. 11Despois destes tres días e medio, un espírito vivificador mandado por Deus entrou neles e puxéronse en pé.

**10**, 2 O *libriño* non é secreto, senón que está aberto e contén quizais **11**, 1-13.
**10**, 5-6 Cf Dn **12**, 5-7.
**10**, 8-11 Esta pasaxe está inspirada na consagración profética de Ezequiel (Ez **2**, 8-**3**, 3).
**10**, 9 Engulir o libro (Xer **15**, 16) quere dicir aprender ben o seu contido, que é doce coma o mel e amargo, xa que pregoa, coa vitoria dos fieis, as dificultades e a persecución (cf **11**, 1-13).
**11**, 1-2 *O medir o santuario* (cf Ez **40**, 1ss; Zac **2**, 1-5) por orde de Deus equivale a poñelo baixo a protección divina. O santuario, aínda que se concibe ao xeito do templo de Xerusalén, é o santuario celeste constituído pola Igrexa, tema este moi do gusto dos primeiros cristiáns (1 Cor **3**, 16ss; 2 Cor **6**, 16; Ef **2**, 19-21; 1 Pe **2**, 5).
**11**, 2 *O adro que está fora do santuario* era o adro dos xentís, que aquí significa o "Israel segundo a carne", e que ven sendo o mundo pagán.
"Tres anos e medio" = 1 265 días. Na literatura apocalíptica indícase con este período o tempo da actividade do Anticristo (cf Dn **7**, 25; **12**, 7; Ap **12**, 14).
**11**, 3 *Testemuñas*: necesarias, segundo Dt **19**, 15; Mc **6**, 7; Xn **8**, 17, para a validez do testemuño. Son Moisés e Elías (cf v. 7), que segundo unha vella tradición xudía (Dt **18**, 15; Mal **3**, 22-24), volverían pregoar a conversión antes do día do Señor. Eles son os representantes típicos da Lei e dos Profetas, e dan testemuño de Xesús Cristo (cf Lc **9**, 30ss e parl e **24**, 27). Estas dúas testemuñas simbolizan a Igrexa co seu espírito profético testemuñal (Ap **19**, 10).
**11**, 4 A imaxe das *dúas oliveiras* e os *dous candelabros* está tomada de Zac **4**, 1-14, e representan o pobo cristián que dá culto a Deus e que o serve co seu testemuño.
**11**, 6 Converter a *auga en sangue* e as *pragas*, son alusións claras a Moisés.
**11**, 8 *Gran cidade*: mellor que referila a Roma, cómpre entendela como toda organización política inimiga do plan de Deus e da Igrexa. *Sodoma* é o exemplo típico da inmoralidade destas organizacións políticas (Is **1**, 9 ss; Ez **16**, 46. 55). *Exipto* é o exemplo da escravitude ou opresión do pobo de Deus.
**11**, 9 Negar a sepultura é o xeito máis ignominioso de tratar aos mortos (2 Mac **5**, 10; Sal **79**, 2s; Xer **8**, 2; **16**, 4): aquí é reflexo do odio aos cristiáns.

Aos que miraban para eles entroulles un gran medo. [12]E oíron un forte berro que desde o ceo lles dicía:

–Subide aquí!

E subiron ao ceo nunha nube, á vista dos seus inimigos. [13]Naquela mesma hora veu un gran terremoto e derrubouse unha décima parte da cidade e morreron no terremoto sete mil homes. Os outros colleron medo e déronlle gloria ao Deus do ceo.

[14]O segundo Ai!, pasou. O terceiro Ai!, velaí vén.

## CUARTA SECCIÓN:
## A SÉTIMA TROMPETA E A SERIE DAS VISIÓNS DO DRAGÓN

### Loanzas e agradecementos

[15]Logo tocou o sétimo anxo e oíronse uns fortes berros desde o ceo, que dicían:

–O reinado do mundo pasou a ser
do noso Deus e do seu Mesías!
El reinará polos séculos dos séculos.

[16]E os vinte e catro anciáns, os que sentan diante de Deus nos seus tronos, prostráronse para adorar a Deus, [17]dicindo:

–Dámosche grazas a ti, Señor,
Deus que todo o sostén,
que es e que eras,
por asumires o teu grande poder
e comezares a reinar.
[18]Anoxáronse contra ti os xentís,
pero agora chegou o teu anoxo:
é o momento de lles facer xustiza
aos que morreron
e de lles dar a paga aos teus servos,
os profetas,
ao teu Santo pobo e aos que te respectan a ti,
aos pequenos e aos grandes,
e de esnaquizar os que destrúen o mundo.

### Anuncio da intervención de Deus

[19]E abriuse o santuario celeste de Deus e apareceu a Arca da súa alianza no seu santuario. Entón houbo lóstregos, berros, tronos, un terremoto e unha grande sarabiada.

### A muller e o dragón: o nacemento do neno

**12** [1]E apareceu no ceo un gran sinal: unha muller vestida co sol, coa lúa baixo os seus pés e, na cabeza, unha coroa de doce estrelas. [2]Estaba embarazada e berraba cos retorzóns e as dores do parto.

[3]Apareceu outro sinal no ceo: era un gran dragón vermello, que tiña sete cabezas e dez cornos, e nas cabezas sete diademas. [4]Co seu rabo arramplaba cunha terceira parte das estrelas do ceo e botábaas na terra. O dragón plantouse diante da muller que estaba para dar á luz, coa idea de engulirlle o filliño en canto nacese.

[5]Tivo un fillo neno: aquel que *cun caxato de ferro ha rexer* a todas *as nacións*. Pero Deus arrebatou o filliño da muller onda si, ao seu trono. [6]E a muller fuxiu para o deserto, onde lle tiña Deus un lugar axeitado para a manter alí mil douscentos sesenta días.

[7]E produciuse unha guerra no ceo: Miguel e os seus anxos combateron contra o dragón. O dragón combatía cos seus anxos, [8]pero non lles puido; e para eles xa non houbo lugar no

**11**, 12 *Subiron ao ceo:* do mesmo xeito ca Elías (2 Re **2**, 11; Eclo **48**, 9) e que Moisés (segundo unha tradición xudía serodia).

**11**, 17 Omítese "o que está a vir", xa que, segundo 10, 7, coa sétima trompeta virá o Reino na súa plenitude.

**11**, 19 A aparición do arquetipo da Arca da Alianza (Éx **25**) é sinal dos tempos escatolóxicos, da convocatoria do pobo mesiánico (2 Mac **2**, 4-8), da presenza de Deus entre o seu pobo: por iso seguen os sinais meteorolóxicos e cósmicos dunha teofanía. Este v. serve de introdución e ambientación teolóxica aos cc. **12-14**.

**12**, 1-2 Conforme á mentalidade do A. T. e, moi especialmente, á mentalidade apocalíptica, as realidades salvíficas deste mundo teñen o seu arquetipo no mundo celeste: o pobo fiel a Deus ten como o seu arquetipo celeste esta *muller* gloriosa no intre do parto dunha nova era (Is **66**, 7-14), a era mesiánica (v. 5). Os seus adornos celestes (o *sol* e a *lúa*) son sinais da súa categoría gloriosa. As *doce estrelas*, as doce tribos (Ap **7**, 4-8; **21**, 12; St **1**, 1) e os doce apóstolos (Ap **21**, 14) son o símbolo do auténtico Israel, que se continúa na comunidade da Igrexa. A referencia desta imaxe á Nosa Señora realízase só en canto ela é o prototipo desta comunidade fiel e acolledora da vontade salvífica de Deus (cf Lc **1**, 38).

**12**, 3 Este *dragón* é o monstro mítico de Leviatán, xa coñecido na mitoloxía cananea e tamén no A. T. (Xob **3**, 8; **40**, 25; Sal **74**, 14; **104**, 26; Is **27**, 1). É a síntese das forzas do mal, da desorde e da morte e por tanto, símbolo do demo. A creación, nesta linguaxe, considérase unha vitoria contra Leviatán; pero a vitoria definitiva contra el sucederá á fin do mundo. Preséntase como un símbolo da soberanía sobre o mundo: con sete cabezas, sete diademas, dez cornos (cf Lc **4**, 6; Xn **12**, 31; **14**, 30; **16**, 11).

**12**, 5 Trátase dunha cita dun texto mesiánico (Sal **2**, 9); o filliño é quen lle quitará o poder universal ao demo mediante a súa entronización celeste (cf Heb **9**, 12-14).

**12**, 7-9 Seguindo unha das leis da literatura apocalíptica, Xoán presenta a loita de Xesús e da Igrexa contra as forzas demoníacas desde o arquetipo da loita primordial de Miguel contra o dragón; e, deste xeito, a vitoria de Miguel e dos seus anxos é un anticipo da vitoria de Xesús Cristo contra Satán (Mc **1**, 12-13 e parl.) e a seguridade da vitoria da Igrexa; desta forma é anuncio previo da presenza no mundo do reino de Deus (vv. 10-12). A propósito de Miguel, cf Dn **10**, 12-21; **12**, 1.

ceo. [9]Deus botou do ceo o gran dragón, serpe
antiga, chamado Satán e Satanás, o que fai
extraviar a todos os homes: botouno á terra;
e os seus anxos con el. [10]E oín un gran berro
no ceo, que dicía:
—Arestora chegou a vitoria, o poder,
e o reino do noso Deus,
así como a soberanía do seu Mesías,
porque expulsaron o acusador
dos nosos irmáns,
o que os acusaba diante do noso Deus,
día e noite.
[11]Mais eles vencérono grazas
ao sangue do Año,
e pola forza do testemuño que deron,
e porque quixeron máis morrer
que vivir neste mundo.
[12]Por iso alegrádevos, ceos,
e os que vivides neles!
Pobre terra e pobre mar!,
porque baixou Satán onda vós:
baixou adoecido,
porque sabe que ten pouco tempo.
[13]E cando o dragón se decatou de que o
botaran para a terra, perseguiu a muller que
dera a luz o meniño. [14]Pero Deus deulle á
muller as dúas ás da gran aguia, para que fose
voando ata o deserto, o seu lugar; e dáselle a
mantenza alí, lonxe da presenza da serpe du-
rante un tempo, dous tempos e medio tempo.
[15]A serpe botou pola boca auga, coma un río,
detrás da muller, para envolvela na corrente
do río;[16]mais a terra acudiu en axuda da mu-
ller: abriu a terra a súa boca e zugou o río,
que o dragón botara pola boca. [17]Enrabexou o
dragón contra a muller e foille facer a guerra
ao resto da familia dela: aos que gardan os
mandamentos de Deus e manteñen firme o
testemuño de Xesús.

### As dúas bestas

[18]Detívose na area da beira do mar.

**13** [1]Logo vin subir do mar unha besta con
dez cornos e sete cabezas, e nos cor-
nos tiña dez diademas e nas cabezas tiña un
nome blasfemo. [2]A besta que vin semellaba
unha pantera, pero as patas eran coma as do
oso e a boca coma a boca do león. O dragón
deulle a súa forza, o seu trono e o seu gran
poder. [3]Unha das súas cabezas estaba degola-
da de morte, mais a súa ferida mortal curou.
Todo o mundo se admiraba do que lle suce-
dera á besta [4]e adorou o dragón, que tal poder
lle dera á besta, dicindo:
—Quen será coma a besta e quen poderá
facer guerra en contra dela?
[5]E déuselle ao dragón unha boca para dicir
arrogancias e blasfemias e concedéuselle o
poder para facelo ao longo de corenta e dous
meses. [6]Abriu a súa boca:
para blasfemar contra Deus,
para blasfemar contra o seu Nome,
contra o seu celeste santuario
e contra os que moran nel.
[7]Permitíuselle facerlle a guerra ao pobo
santo e vencelo; e déuselle poder sobre toda
tribo, pobo, lingua e nación. [8]E todos os
habitantes da terra, que desde o comezo do
mundo non teñen o seu nome escrito no libro
da vida do Año que foi degolado, adoraron a
besta. [9]Quen teña oídos, escoite:
[10]*Se algún está para a catividade,*
irá á catividade.
*Se algún está para morrer coa espada*,
matarano *coa espada.*
Aquí están a esperanza e mais a fe do pobo
santo.
[11]Logo vin outra besta que subía da terra:
tiña dous cornos semellantes aos do año e fa-
laba coma o dragón. [12]Exerce, baixo a ollada
da primeira besta, a súa completa vontade:
fai que toda a terra e os seus habitantes ado-
ren a primeira besta, que curara da súa fe-
rida mortal. [13]Realiza grandes milagres, ata

**12**, 10 *Acusador dos nosos irmáns...:* É un dos papeis do demo, segundo Xob **1**, 6ss; Zac **3**, 1; Lc **21**, 31; Rm **8**, 33.
**12**, 14 No contexto do Éxodo (cf Éx **19**, 4; Dt **32**, 11; Is **40**, 31) son sinal da pronta e eficaz protección divina.
**12**, 17 Xoán, como Mt **16**, 18, distingue a Igrexa especialmente protexida por Deus e o resto da súa familia, exposta aos ataques do demo, aínda que Deus lles asegura a súa protección.
**13**, 1-11 Esta primeira besta é unha imaxe apocalíptica da institución do Imperio Romano que persegue á Igrexa, calcada na imaxinación de Dn **7**, onde se representa nesta linguaxe simbólica a Antíoco IV Epífanes que persegue a Israel. A imaxe da besta da Ap resulta moi cargada e grotesca, xa que recolle trazos das catro bestas do texto de Dn **7**.
**13**, 1 As *sete cabezas*, segundo **17**, 9ss, son os sete cotos de Roma e os seus sete reis.
Os nomes blasfemos son os títulos divinos dos emperadores, que, para xudeus e cristiáns, son blasfemias (Dn **13**, 36; 2 Tes **2**, 4).
**13**, 3-4 Son unha parodia da morte, da resurrección e dos títulos do Año, que se debe referir a algún feito do tempo: o asasinato de César co seu conseguinte caos e a prosperidade con Augusto, ou a lenda de Nerón volto á vida.
**13**, 10 Aínda que a tradición textual non é moi firme, seguimos a lectura que fai do texto unha cita de Xer **15**, 2: no intre crítico de persecución en que viven os cristiáns, a súa fe e esperanza está en aceptar a vontade concreta de Deus, marcada polas decisións dos perseguidores.
**13**, 11-18 Esta segunda besta está ao servizo da primeira: en **16**, 13; **19**, 20; **20**, 10 dise que é un falso profeta (cf Mt **24**, 11. 24). Refírese ao sacerdocio pagán, que trata de difundir o culto ao emperador, e que fala coma o dragón, de quen recibe o seu poder.

chegar a facer baixar lume do ceo á terra, á
vista dos homes. [14]Descamiña os habitantes
da terra cos milagres que se lle permitiron
facer diante da besta, dicíndolles que fagan
imaxes en honor da besta, que tiña a ferida
da espada pero recobrara a vida. [15]Concedéu-
selle á segunda besta poder infundir espírito
na imaxe da primeira, para facela falar e para
que fixese que todos os que non adorasen a
imaxe da besta fosen asasinados. [16]A todos,
grandes e pequenos, ricos e pobres, libres e
servos, ponlles unha marca na man dereita ou
na testa,[17]e ninguén pode mercar ou vender,
se non ten a marca, o nome da besta ou o
número do seu nome.

[18]Para isto fai falta a sabedoría: quen teña
intelixencia, calcule o número da besta, que é
número humano, e o seu número é seiscentos
sesenta e seis.

### O Año e os mártires no monte Sión

**14** [1]Logo tiven unha visión. O Año estaba
de pé no monte de Sión, e con el cen-
to corenta e catro mil, que tiñan escrito nas
súas frontes o nome do Año e mais o nome
do seu Pai. [2]E oín unha voz desde o ceo coma
o bruído dunha gran tormenta de auga e tro-
nos; e a voz que oín semellaba a duns arpis-
tas, floreando nas súas arpas. [3]Cantaban un
cántico novo diante do trono e mais diante
dos catro animais e dos anciáns. E ninguén
podía aprender o seu canto, fóra dos cento
corenta e catro mil, os que foran rescatados
da terra. [4]Estes son os que non se lixaron con
mulleres, os que son virxes. Estes son os que
acompañan o Año a onde el vaia. Estes foron
mercados entre os homes, como ofrenda de
primicias para Deus e para o Año. [5]E na boca
deles endexamais non se atopou mentira: son
inmaculados.

### Tres anxos anuncian a vitoria en tres visións

[6]E vin outro anxo voando polo medio do
ceo: levaba unha boa nova eterna, para pre-
goárllela aos habitantes da terra, a todas as
nacións, razas, linguas e pobos. [7]Dicía a be-
rros:

–Respectade a Deus, dádelle gloria! Por-
que xa chegou a hora do seu xuízo; e adorade
o Creador do ceo e da terra, do mar e das
fontes das augas.

[8]E outro anxo, o segundo, viña despois di-
cindo:

–Caeu, caeu a gran Babilonia!, que ten bo-
rrachas a todas as nacións co viño do furor
das súas fornicacións.

[9]E outro anxo, o terceiro, viña detrás deles,
dicindo a berros:

–Se alguén adora a besta ou a súa imaxe
e recibe o sinal dela na súa fronte ou na súa
man, [10]este tal beberá do viño da ira de Deus:
viño puro, vertido na cunca da súa ira, e será
atormentado con lume e xofre na presenza
dos santos anxos e do Año. [11]O fume que os
atormenta sobe polos séculos dos séculos, e
os adoradores da besta e mais da súa imaxe
e os que reciben a marca do seu nome, non
teñen acougo nin de día nin de noite. [12]Aquí
está a esperanza dos santos, dos que obser-
van os mandamentos de Deus e gardan a fe
de Xesús.

[13]E oín unha voz do ceo que me dicía:

–Escribe: "Benia os mortos que, de agora
en diante, morran no Señor. Si –dí o Espíri-
to–, que descansen das súas fatigas, porque
as súas obras van con eles".

### Visión anticipada do xuízo de Deus

[14]Logo tiven unha visión. Apareceu unha
nube branca, e sobre a nube un cabaleiro
semellante a un Fillo de home, cunha coroa

**13**, 16 *A marca* da besta é un remedo de **7**, 3ss, e refírese á exclusión dos cristiáns da vida social de entón.

**13**, 18 *O número da besta*, número humano, 666, ha de entenderse conforme ás leis da "gematría", que consiste en establecer a correspondencia entre as letras dun nome e o número que elas fan; ou dar o número e buscar o nome. O nome parece ser "Nerón-César".

**14**, 1-5 Despois de presentarnos as dúas bestas contra a Igrexa, Xoán consola e anima aos fieis con esta visión. Preséntanos a liturxia celeste do "resto", do auténtico Israel, fiel a Deus (Is **4**, 2-3; **10**, 19-21; **28**, 5-6; Xer **3**, 14; Sof **2**, 7. 9; Rm **11**, 5). A liturxia do *cántico novo* é a liturxia sacrificial das vítimas inmaculadas e das primicias.

**14**, 4 A "virxindade" aquí hase entender no sentido de fidelidade total a Deus e de liberación da idolatría. Sen dúbida hai tamén unha advertencia contra a participación na prostitución sagrada, tan de moda neste ambiente histórico.

**14**, 6-13 Con estas tres visións "dos tres anxos mensaxeiros" chámase aos pagáns á conversión, anunciándolles, como o fixeran os antigos profetas, a proximidade do xuízo de Deus e do castigo que eles merecen. O v. 13 é a benaventuranza dos mártires.

**14**, 8 Despois do desterro considerouse que *Babilonia* era o prototipo da cidade ou imperio inimigo de Deus e do seu pobo (Is **46**, 1-3; **47**, 1-15; Xer **50**, 29-32; **51**, 44-58; Zac **5**, 5-11). Aquí refírese á Roma pagá. Xoán aplica a Roma o oráculo de Is **21**, 9. Neste lugar, o mesmo que en Ap **18**, 3, atópase a fusión de dúas imaxes: "emborracharse co viño da inmoralidade" e "beber o viño da ira de Deus".

**14**, 10 O castigo con *lume e xofre* é tradicional como castigo dos malos; ten a súa orixe no castigo de Sodoma e Gomorra (Xén **19**, 24), e aparece en Is **30**, 33; **34**, 8-10 e Ez **38**, 22, o mesmo que en Ap **9**, 17; **19**, 20; **20**, 10; **21**, 8).

**14**, 14 A seitura dos seus fieis faina Xesús Cristo como cabaleiro da nube (cf Sal **68**, 5). *A coroa de ouro* é símbolo da vitoria súa e dos seus.

de ouro na cabeza, e na man unha fouce ben afiada. 15Outro anxo saíu do santuario, berrándolle con fortes berros ao cabaleiro da nube:

–Agarra a túa fouce e sega, que xa chegou o tempo da seitura: a colleita da terra xa está seca.

16O cabaleiro da nube botou a súa fouce no mundo e fixose a seitura.

17Logo outro anxo saíu do santuario celeste, tamén el cunha fouce ben afiada. 18E de onda o altar saíu outro anxo, o que tiña poder sobre o lume, e chamou a berros ao que tiña a fouce ben afiada e díxolle:

–Mete a túa fouce ben afiada e vendima os acios da viña da terra, porque os bagos están maduros de máis.

19E meteu o anxo a súa fouce na viña do mundo e vendimouna e botou os acios na moxega grande da ira de Deus. 20E pisouse a moxega fóra da cidade e saíu sangue da moxega ata os freos dos cabalos, sesenta leguas arredor.

### Introdución ás sete pragas das sete cuncas

**15** 1Logo vin outro grande e admirable sinal no ceo: sete anxos coas sete pragas, as derradeiras, pois a ira de Deus chega con elas ao cabo. 2Despois vin coma un mar de cristal mesturado con lume, e aos que saíron con ben da loita coa besta, coa súa imaxe e co número do seu nome, vinos de pé enriba do mar de cristal, con cítaras para o canto de Deus. 3Cantaban o cántico do servo de Deus, Moisés, e o cántico do Año, dicindo:

–Grandes e admirables son as túas obras,
Señor Deus, que todo o sostés;
xusto e fiel é o teu comportamento,
Rei das nacións.
4Quen non respectará
e glorificará o teu nome, Señor?
Porque só ti es santo.
Todas as nacións virán
e adorarante prostradas perante Ti,
porque os teus xustos xuízos
quedaron ben á vista.

5E despois disto mirei e vin que se abriu o santuario celeste, a tenda do testemuño. 6Do santuario saíron os sete anxos coas sete pragas, vestidos de liño curado e lucente, cinguidos con faixas de ouro polo peito. 7E unha das catro bestas deulles aos sete anxos sete cuncas de ouro cheas da ira do Deus que vive polos séculos dos séculos. 8Logo encheuse o santuario de fume por causa da gloria de Deus e por causa do seu poder. E ninguén podía entrar no santuario, ata que chegasen á fin as sete pragas dos sete anxos.

**16** 1Logo oín un berro que desde o santuario lles dicía aos sete anxos:

–Ide e vertede sobre a terra as sete cuncas da ira de Deus!

### As seis primeiras cuncas

2E saíu o primeiro e verteu a súa cunca na terra; e unhas chagas malignas e dolorosas aparecéronlles aos homes que tiñan a marca da besta e mais aos que se prostraban para adorar a súa imaxe.

3Logo, o segundo, verteu a súa cunca no mar, que se volveu sangue, coma o sangue dun morto, e morreu canto ser vivo se atopaba no mar.

4Despois, o terceiro, verteu a súa cunca nos ríos e nas fontes das augas; e volvéronse sangue. 5Entón oínlle dicir ao anxo das augas:

–Xusto es ti, que es e que eras, o Santo,
xustiza fas ao sentenciares deste xeito,
6porque verteron sangue
de santos e de profetas
e por iso lles deches tamén a beber sangue.
Tíñano ben merecido!

**14**, 17s A vendima dos ruíns fana os dous anxos. O anxo que transmite o pregón da vendima sae de onda o altar: alusión ao sangue dos mártires vertido nel, que clama vinganza (**6**, 9).

**14**, 20 Esta visión do xuízo divídese en dúas partes, desdobrando as dúas imaxes tradicionais de seitura e da vendima (Is **63**, 3; Xl **4**, 13) en dúas seccións: a colleita dos fieis a Deus é a seitura (Mt **13**, 30. 38); e a vendima, é a colleita dos malos.

**15**, 1-**16**, 1 Esta introdución ao último setenario, o das cuncas da ira de Deus, está interrompido polos vv. 2-4, que conteñen o canto da vitoria dos que loitaron coa besta e, deste xeito, clarifícase o setenario: a ira de Deus chega derradeira, xa que os que loitaron coa besta recibiron un trato moi duro e asoballáronos moito.

**15**, 3s Xoán segue coa tipoloxía do "Éxodo"; o mesmo que Moisés cantou a Deus, logo de atravesar o mar Vermello e de verse libre o seu pobo da escravitude de Exipto (Éx **15**), tamén os que venceron á besta coa súa paciencia e fe, cantan o canto da salvación. Chámaselle tamén a cántiga do Año, xa que a súa vitoria foi un asociarse á vitoria do Año. A cántiga é un himno ao poder e xustiza de Deus nas súas obras salvíficas, e en especial na redención levada a cabo polo Año. Está composta de frases do A. T.

**15**, 6 Os *vestidos* e as *faixas* son símbolo das funcións sacerdotais que estes sete anxos van cumprir.

**16**, 1 Quen dá a orde de verter as *cuncas* é Deus mesmo, xa que ninguén pode entrar no santuario (**15**, 8).

**16**, 2-16 As "pragas" que desencadean estas cuncas recordan as pragas de Exipto (Éx **7**-12) e son parecidas ás que seguen ao toque das sete trompetas (Ap **8**, 2-**11**, 9), coa diferenza de que aquelas son limitadas, mentres que as do c. 16 son universais e definitivas. Estas pragas hanse entender de forma simbólica, e a súa finalidade será provocar o arrepentimento e a conversión, como indican os vv. 9 e 11.

[7]Entón oín que desde o altar dicían:
–Si, Señor Deus, que todo o sostés,
verdadeiras e xustas
son as túas sentenzas.
[8]Logo, o cuarto, a quen se lle deu o poder de abrasar os homes coa calor, verteu a súa cunca no sol. [9]Os homes sufriron unha gran queimadura e comezaron a xurar contra o nome de Deus, que tiña na súa man o poder sobre estas pragas; pero non cambiaron os seus pensamentos para lle daren gloria a Deus.
[10]Despois, o quinto, verteu a súa cunca no trono da besta, e o seu reino quedou cuberto de tebras. Coa dor comezaron a morder as propias linguas [11]e a xurar contra o nome do Deus do ceo polas súas dores e chagas; mais non se arrepentiron das súas obras.
[12]Logo, o sexto, verteu a súa cunca no gran río, o Éufrates, e comezou a estiñar a auga para axeitarlles así o camiño aos reis do Nacente. [13]Despois vin saír da boca do dragón, da boca da besta e mais da boca do falso profeta, tres espíritos inmundos semellantes a sapos:[14]son os espíritos dos demos que fan prodixios e van onda os reis de toda a terra, para xuntalos para a guerra do día grande do Deus que todo o sostén.
[15]Mira que veño coma un ladrón. Benia o que vixía e garda a roupa para non andar espido e que non lle vexan as súas vergonzas.
[16]Efectivamente, os espíritos xuntáronos no lugar que en hebreo se chama Harmaguedón.

## QUINTA SECCIÓN:
## A SÉTIMA CUNCA: INTERVENCIÓN LIBERADORA DE DEUS

### Introdución

[17]Logo o sétimo verteu a súa cunca no aire, e entón saíu un berro do santuario, de onda o trono, que dicía:
–Xa está!
[18]Entón apareceron lóstregos, berros e trebóns e houbo un terremoto tan grande como endexamais non o houbo desde que hai homes sobre a terra: tan forte foi aquel gran terremoto. [19]Deste xeito, a gran cidade partiu en tres anacos, as cidades dos xentís viñéronse abaixo, e á gran Babilonia chamárona perante Deus para lle dar a cunca do viño da súa fervente ira. [20]E todas as illas fuxiron, e xa non se atoparon os montes. [21]Logo caeu do ceo enriba dos homes un gran pedrazo, de pedras case de corenta quilos; e os homes xuraban contra Deus pola praga do pedrazo, porque esta praga foi terrible.

**17** [1]Logo veu falar comigo un dos sete anxos que tiñan as sete cuncas, e díxome:
–Ven acó, que che hei mostrar o xuízo de condenación da gran prostituta que está sentada onda as augas abundantes; [2]foi a prostituta dos reis da terra e co viño da súa fornicación emborracháronse os habitantes da terra.

## VITORIA DO AÑO SOBRE A GRAN BABILONIA

### Visión da gran Prostituta

[3]Logo arrebatoume en arroubo ao deserto e vin unha muller montada nunha besta vermella, chea de nomes blasfemos, que tiña sete cabezas e dez cornos. [4]A muller estaba vestida de púrpura e escarlata, adornada de ouro, de pedras preciosas e de perlas; tiña na man unha copa de ouro chea de abominacións, e tiña tamén as porcalladas da súa fornicación. [5]Sobre a fronte tiña escrito un nome misterio-

**16**, 7 Sobre a voz dos mártires que verteron o sangue no altar celeste, cf **6**, 9-11; **8**, 3s.
**16**, 12-16 Non se trata exactamente dunha praga, senón da preparación da gran batalla escatolóxica. Segundo Zac **12**, 11, en Meguido terá lugar a derrota final dos exércitos inimigos.
**16**, 13 A segunda besta de **13**, 11 dáselle aquí o nome de falso profeta. *Sapos*: lit. "ras"; preferible o termo sapo, porque na nosa cultura ten as resonancias de animal impuro e de bruxerías.
**16**, 15 Segundo todos os comentaristas, este v. está fóra de sitio. Con todo, quere ser unha chamada á vixilancia, ante a inminencia do día do Señor, segundo a imaxinería apocalíptica (cf **3**, 7).
**16**, 17-**17**, 2 Ao verterse a sétima cunca introdúcese, como en todos os setenarios, a sección seguinte: a intervención liberadora definitiva de Deus, co seu presuposto previo, que é a condenación da gran Prostituta.
**16**, 18 Os fenómenos xeolóxicos e cosmolóxicos indican a intervención de Deus (cf **6**, 12). A magnitude dos fenómenos indica que se trata da definitiva intervención de Deus na caída do Imperio Romano e das súas cidades de influencia, castigo que manifesta a fervente ira de Deus (cf v. 19).
**17**, 1 Xa no A. T. cualificaban de *prostitutas* as cidades idólatras e impías: Tiro (Is **23**, 16s), Nínive (Nah **3**, 4s)... Tamén Israel (Ez **16**), Samaria e Xerusalén (Ez **23**).
**17**, 3 *O deserto*, onde está a muller, é o lugar dos animais impuros (**18**, 2): por iso non aparece como o sitio de Deus.

so: "A gran Babilonia, a nai das prostitutas
e das abominacións da terra".
6Logo vin que
a muller estaba borracha do sangue do pobo
santo e do sangue dos mártires de Xesús. E,
ao mirar para ela, quedei abraiado.

**Visión clarificadora do significado da gran Prostituta**

7E díxome o anxo:
–Por que te admiraches? Vouche explicar
eu o sentido misterioso da muller e da besta
que a leva, a das sete cabezas e os dez cor-
nos. 8A besta que viches existía, pero xa non
existe, e vai subir do abismo camiño da súa
perdición; e os habitantes da terra, que non
teñen os seus nomes escritos no libro da vida
desde a creación do mundo, hanse admirar
ollando que a besta existía, que xa non exis-
te e que volverá aparecer. 9Para isto cómpre
entendemento de sabio: as sete cabezas son
sete montes sobre os que está sentada a mu-
ller; e tamén son sete reis: 10cinco deles xa
caeron, un aínda reina, o outro aínda non veu
e, cando veña, pouco vai durar. 11A besta, que
existía pero xa non existe, é o rei oitavo e
ao mesmo tempo é un dos sete; e tamén vai
camiño da súa perdición. 12Os dez cornos que
viches, son dez reis, que aínda non recibiron
a dignidade de reis; pero han recibir xuntа-
mente coa besta poder coma de reis, aínda
que só por unha hora. 13Todos eles teñen o
único plan de lle daren a súa forza e mais o
seu poder á besta. 14Faranlle a guerra ao Año.
Pero o Año venceraos: por algo é Señor de
señores e Rei de reis; e tamén os vencerán os
chamados, os escolleitos e os fieis que están
con El.
15Logo díxome:
–As augas sobre as que viches sentada a
prostituta, son pobos e multitudes, nacións e
linguas diferentes. 16Pero os dez cornos que
viches e mais a besta aborrecerán a prosti-
tuta: deixarana abandonada e espida, come-
rán a súa carnaza e volverana cinsa co lume.
17Pois Deus puxo nos seus corazóns que leva-
sen a cabo o seu plan, un plan común a todos:
de lle daren á besta a súa dignidade rexia, ata
que teñan cumprimento os decretos de Deus.
18A muller que viches é a gran cidade, a que
reina sobre os reis da terra.

**Primeiro anuncio da caída de Babilonia**

**18** 1Despois disto vin outro anxo baixar
do ceo. Tiña gran poder, e a terra que-
dou iluminada coa súa gloria. 2Berrou con
voz poderosa:
–Caeu, caeu Babilonia, a grande,
volveuse morada de demos,
cova de todo espírito impuro,
niño de todo paxaro impuro e noxento.
3Porque do viño rabioso
da súa prostitución
beberon todas as nacións,
e os reis da terra andaron a fornicar con ela,
e co exceso do seu luxo enriquecéronse
os traficantes da terra.

**Segundo anuncio da caída de Babilonia e laio por ela**

4Logo oín outra voz que viña do ceo e dicía:
–Saíde dela, meu pobo,
para non terdes parte nos seus pecados,
e para que non vos toquen
os seus castigos.
5Os seus pecados
fóronse amoreando ata o ceo,
e Deus recordou as súas iniquidades.
6Pagádelle coa mesma moeda
que ela pagou;
aínda mais, dobrádelle as que ela fixo:
coa cunca onde ela remexeu a mestura,
remexédelle o dobre para ela;
7canta gloria e praceres ela tivo,
dádelle outro tanto en tormentos e loito.
Porque ela di para si:
Estou sentada nun trono de raíña,

**17**, 6 O abraio de Xoán débese a que tanta ruindade aínda non tivo o seu castigo.
**17**, 8 Cf nota a **13**, 3-4 e nota seguinte.
**17**, 10-11 Os *cinco* reis, como chamaban en Oriente aos emperadores, que xa caeron, son: Augusto, Tiberio, Calígula, Claudio e Nerón; o que pouco ha durar é Tito, que reina do 79 ao 81. O oitavo sería Domiciano, que encarnaría o Nerón volto á vida, segundo as lendas daquel tempo.
**17**, 12 *Os dez cornos* indican a totalidade dos sátrapas partos que, segundo a lenda popular, invadiron e destruíron Roma nos tempos de Nerón; tamén poden ser reis aliados de Roma e cómplices dos seus vicios.
**17**, 16 Estes reis son instrumentos do plan de Deus de acabar coa prostituta; as expresións deste v. son tradicionais xa do A. T. (Lev **20**, 14; **21**, 9; Xos **7**, 15; Is **49**, 26; Ez **23**, 25; Os **2**, 5; Miq **3**, 3).
**17**, 18 Todo o c. dedicado á caída de Roma, chamada profeticamente "a gran Babilonia", está calcado na fraseoloxía e nas imaxes dos sarcásticos poemas dos profetas contra as nacións.
**18**, 4 Os textos bíblicos máis antigos insisten en que os xustos deben apartarse dos pecadores (Xén **12**, 1; **19**, 12ss; Núm **16**, 26). Esta idea intensificouse coa fin do desterro de Babilonia (Is **48**, 20; **52**, 11; Xer **50**, 8; **51**, 6. 45) e de aquí pasou aos textos apocalípticos (Mt **24**, 16-20 e parl). Non se ha entender como unha orde de deixar o mundo pecador, senón como un precepto de non participar do seu pecado (cf 2 Cor **6**, 14-18).
**18**, 7 Toca fondo o pecado de Roma e de todo poder despótico: o crerse donos absolutos das propias decisións sen acatar leis superiores nin a autoridade suprema de Deus.

e nin estou viúva
nin verei o loito.
[8]Por isto nun único día
hanlle vir as súas pragas:
peste, desgraza e fame,
e volverase cinsa no lume,
porque poderoso é o Señor,
o Deus que a condena.
[9]Chorarán e botarán as mans á cabeza os reis da terra, os que practicaron a prostitución con ela e que se encheron de pecar con ela, cando vexan o fume da súa queima. [10]Desde lonxe e de pé por medo ao seu castigo, dirán:
–Pobre, pobre da gran cidade
de Babilonia!,
pobre Babilonia, cidade poderosa!:
que logo chegou a túa condenación!
[11]Tamén choran e fan o pranto por ela os traficantes do mundo, porque xa ninguén lle compra a súa mercadoría: [12]a carga de ouro e de prata, de pedras preciosas e perlas, de liño puro, de púrpura, de seda e de escarlata; de todas as madeiras nobres; de todos os obxectos de marfil e de pedras preciosas, de bronce, de ferro e de mármore; [13]as cargas de canela e de perfumadas unturas, de pos perfumados, de mirra, de incenso, de viño, de aceite, de flor de fariña e de trigo, rabaños de vacas e ovellas, cabalos, carros, escravos e homes para a venda.
[14]Os froitos maduros da túa cobiza
fuxiron de ti;
e todo o ben cebado e brillante
perdeuse para ti,
e xa non volverá endexamais.
[15]Os traficantes destas cousas, que se enriqueceron a costa dela, estarán de pé desde lonxe, por medo ao seu castigo. Chorando e laiando [16]dirán:
–Ai! Pobre gran cidade
vestida de liño fino,
de púrpura e escarlata,
adornada de ouro,
de pedras preciosas e de perlas!
[17]Porque nun virar da man
quedou erma tanta riqueza.
E todos os patróns e pasaxeiros que navegan, os mariñeiros e cantos traballan no mar, quedaron de pé, desde lonxe; [18]e, mirando para o fume da queima, comezaron a berrar, dicindo:
–Que cidade houbo semellante á gran cidade?
[19]Logo, botaron terra nas súas cabezas e, entre choros e laios, berraron:
–Ai! Pobre gran cidade
coa que se fixeron ricos
todos os que teñen barcos no mar,
á costa da súa fartura!
Nun virar da man quedou erma.
[20]Alégrate, ceo, por causa dela!
E vós, os santos, os apóstolos
e os profetas, alegrádevos!,
porque Deus volveu contra ela
a sentenza que un día ela
lanzara contra vós.

**Símbolo profético da caída de Babilonia**

[21]Entón un anxo forte ergueu unha pedra coma unha grande moa de muíño, e botouna no mar dicindo:
–Con forza coma esta han botar
a Babilonia, a gran cidade,
e non a atoparán máis.
[22]A música dos citaristas e dos músicos,
a melodía dos frautistas
e dos trompetistas
xa non se oirá máis en ti;
e artesán ningún,
de calquera oficio que for,
non o haberá máis en ti;
e o remusmús da moa do muíño
non se volverá sentir máis en ti;
[23]e a luz do farol
non volverá brillar máis en ti,
e as palabras amorosas do esposo
e da esposa
non se oirán máis en ti:
Porque, sendo os teus traficantes
os máis grandes de todo o mundo,
todas as xentes se perderon
coas túas bruxerías;
[24]e en ti atopouse sangue dos profetas
e do pobo santo,
e o de todos os que foron
inmolados no mundo.

**18**, 9-19 Estes vv. conteñen o laio ou elexía pola cidade, que está dividida en tres seccións: a elexía dos reis da terra (vv. 9-10), a elexía dos traficantes do mundo (vv. 11-17a) e, por último, a elexía dos mariñeiros e outra xente do mar (vv. 17b-19). Todo este texto está inspirado en Ez **26-27**.
**18**, 13 *Escravos e homes para a venda*: lit. "corpos e almas de homes". Corpos, no A. T., indica os *escravos*; almas de homes ten un sentido moi parecido (cf Ez **27**, 13).
**18**, 20 Este v. dálle sentido teolóxico a toda a elexía que precede: a caída de toda esta grandeza humana é o cumprimento do plan salvífico de Deus (cf **17**, 17). Este v. anticipa a perícope **19**, 1-5.

### Loas a Deus pola caída de Babilonia

**19** [1]Despois disto oín no ceo coma unha
forte voz dunha gran multitude, que
dicía:
—Aleluia!
A salvación, a gloria e o poder
son do noso Deus,
[2]porque verdadeiras e xustas
son as súas sentenzas.
El condenou a gran Prostituta,
que coa súa prostitución
corrompeu o mundo,
El vingou o sangue dos seus servos,
que ela tiña no seu poder.
[3]Logo repetiron:
—Aleluia!
O fume do seu castigo
sobe por todos os séculos.
[4]Entón os vinte e catro anciáns e os catro animais prostráronse para adoraren a Deus, que sentaba no trono, e dicían:
—Amén! Aleluia!

### Canto ás vodas do Año e conclusión

[5]E do trono saíu un berro que dicía:
—Loade o noso Deus,
todos os seus servidores;
tamén os que o respectades,
pequenos e grandes!
[6]Logo oín algo coma o algareo dunha gran multitude, coma o ruxido das augas abundantes e coma o estrondo dun forte trono, que dicía:
—Aleluia!
Porque comeza o Reino do Señor,
o noso Deus, que todo o sostén.
[7]Alegrémonos e relouquemos
e glorifiquémolo,
porque chegaron as vodas do Año,
e a súa esposa xa se preparou.
[8]Concedéuselle vestir de liño fino,
ben curado e limpo,
pois o liño fino son as obras boas
do pobo santo.
[9]Logo o anxo díxome:
—Escribe: "Benia os que están convidados ao xantar das vodas do Año!".
E volveume dicir:
—Estas son cousas verdadeiramente propias de Deus.
[10]Boteime aos seus pés para o adorar; pero el díxome:
—Non, non o fagas! Son un servo de Deus igual ca ti e teus irmáns, que manteñen o testemuño de Xesús. Adora a Deus, que dar testemuño de Xesús é ter espírito profético.

## VITORIA DEFINITIVA DO AÑO

### Visión do Verbo de Deus

[11]Despois vin o ceo aberto. E apareceu un cabalo branco; o cabaleiro que o monta chámase Fiel e Verdadeiro, xulga e loita con xustiza. [12]Ten os ollos coma chamas de lume, na cabeza ten moitos diademas, e escrito un nome que ninguén coñece, fóra del mesmo. [13]Leva posto un manto tinxido de sangue, e o

**19**, 1-4 Conteñen o canto celeste á xustiza de Deus que castiga á gran perseguidora dos servos de Deus.
**19**, 1 *Aleluia*, expresión hebrea moi usada na liturxia xudía e tamén na primitiva cristiá, porque a usa catro veces neste c.
**19**, 4 *Os vinte e catro anciáns*, representantes da Igrexa, e *os catro animais*, símbolos das forzas da natureza, únense ao canto dos anxos.
**19**, 5 Este v. é unha invitación a toda Igrexa a loar o Señor, cousa que toda a Igrexa celeste fai nos vv. 6-8.
**19**, 6-8 O canto da Igrexa insiste no aspecto positivo do comezo do Reino de Deus e das vodas do Año.
**19**, 7 O tema do Reino de Deus, explicítase máis co tema das *vodas*; esta imaxe, desenvolvemento do vello tema da alianza, tivo xa a súa forza no A. T. (Is **54**, 4-8; Ez **16**, 7; Os **2**, 1-23); no N. T. quere amosar a unión vital e gozosa de Xesús Cristo coa comunidade que El achegou a si co seu sangue (Mt **22**, 1-14; **25**, 1-13; Mc **2**, 19 paral.; Xn **3**, 29; 2 Cor **11**, 2; Ef **5**, 23-32). Na Ap é unha das ideas máis fortes (cf **1**, 5; **4**, 3-4; **5**, 6. 9; **7**, 14, e en especial os cc. **21**-**22**).
**19**, 10 *Dar testemuño de Xesús é ter espírito profético*: lit. "pois o testemuño de Xesús é o espírito da profecía". A frase dá a razón de que Xoán non debe adorar o anxo que lle revela a benaventuranza do v. 9. Por outra parte os termos "profetizar e profecía", na Ap refírense sempre a un testemuño profético concreto: o de Xoán no seu libro (**1**, 3; **10**, 11; **22**, 7. 10. 18. 19), o dos dous profetas apocalípticos que son figura da Igrexa (**11**, 3; o texto máis paralelo no contexto e na intención do autor). A expresión "testemuño de Xesús" aparece na Ap como a motivación da persecución ou do martirio e a actitude testifical dos cristiáns en **19**, 10a; **12**, 17; cf **6**, 9; **11**, 7; **12**, 11. En síntese: dar testemuño de Xesús é manter na proba este testemuño, sentirse e ser profetas dos novos tempos.
**19**, 11-21 Nestes vv. Xoán, seguindo a tradición apocalíptica xudía, que á súa vez continúa un tema xa esbozado na apocalíptica dos profetas (Ez **38**, 39; Xl **4**, 1-3. 15-17; Zac **12**, 14), desenvolve o tema do Mesías vencedor dos poderes do mal, elemento previo ao establecemento do Reino de Deus.
**19**, 11 *O cabalo branco* é símbolo da vitoria.
**19**, 12 *O nome* para o semita é o sinal da auténtica personalidade; o de Xesús Cristo supera todo coñecemento humano, porque a súa personalidade é divina (Mt **11**, 27 parl).
**19**, 13 Este *sangue* non é o seu propio, senón o dos inimigos.

seu nome é "Palabra de Deus". [14]Os exércitos celestes, vestidos de ben curado liño branco, van tras el en cabalos brancos. [15]Da boca sáelle unha espada ben afiada, para ferir con ela os xentís: *ha de os rexer cun caxato de ferro* e pisa a moxega do viño rabioso da ira de Deus, que todo o sostén. [16]Ten escrito no seu manto e na súa coxa un nome: "Rei de reis e Señor de señores".

### Visión da vitoria do Verbo sobre a besta e os reis

[17]Logo tiven unha visión e vin un anxo de pé no sol. A grandes berros chamou por todos os paxaros que voan polo medio do ceo, dicíndolles:

[18]–Vide aquí, xuntádevos para o gran banquete de Deus! Para comer a carnaza de reis, de xenerais, de valentes, de cabalos e de cabaleiros; carnaza de todos os homes: libres e escravos, pequenos e grandes.

[19]Logo vin que a besta, os reis do mundo e mais os seus exércitos se xuntaban para faceren a guerra contra o cabaleiro do cabalo e contra o seu exército. [20]Colleron presos a besta e mais o falso profeta que estaba con ela, o que fixo os prodixios, cos que descamiñou os que recibiron a marca da besta e adornaron a súa imaxe: botáronos vivos aos dous na lagoa de xofre ardendo. [21]Aos outros matáronos coa espada que saía da boca do cabaleiro que ía montado de a cabalo. Todos os paxaros quedaron fartos da súa carnaza.

### Visión de encadeamento do dragón

**20** [1]Logo vin que outro anxo baixaba do ceo, coa chave do abismo e unha cadea grande na man. [2]Con ela amarrou forte o dragón, serpe antiga, que é Satán e Satanás, e encadeouno para mil anos. [3]Botouno no abismo e pechou e púxolle selo á pechadura diante do dragón para que xa non extravíe máis as nacións ata que se cumpran os mil anos; despois hano soltar unha miguiña de tempo.

### Visión do reino milenario

[4]Logo vin uns tronos. Aos que sentaban neles déuselles o poder de xulgar. Vin tamén as ánimas dos degolados por mor do testemuño de Xesús e da palabra de Deus e mais as dos que non se prostraron para adorar a besta nin a súa imaxe nin recibiron a marca da besta na súa fronte nin nas súas mans. Estes volveron vivir e comezaron a reinar con Cristo mil anos. [5]O resto dos mortos non volveron á vida ata completaren os mil anos: esta é a primeira resurrección. [6]Benaventurado e santo o que participa nesta primeira resurrección! Sobre eles non ten poder a morte segunda: serán sacerdotes de Deus e de Cristo, e reinarán con El mil anos.

### Vitoria definitiva sobre o dragón

[7]Cando se completen os mil anos, Satanás vaise ver ceibe da súa cadea [8]e sairá para engaiolar os xentís das catro esquinas do mundo, a Gog e a Magog, para os xuntar para a

*Palabra de Deus* non é o nome misterioso do v. 12, nin o nome entitativo de Xn **1**, 1s, senón un nome teofánico, revelador da ira de Deus contra os seus inimigos, coma en Sab **18**, 14-16.
**19**, 14 *Os exércitos celestes* son os mártires (**17**, 14), como se deduce dos vestidos (cf **3**, 5; **16**, 11; **19**, 8), aínda que o usual na literatura apocalíptica cristiá é que os anxos acompañen ao Mesías na súa manifestación (**13**, 41; **16**, 27; Mc **8**, 23; **13**, 27; 2 Tes **1**, 7-8).
**19**, 15 Sal **2**, 9.
**19**, 16 *Rei de reis e Señor de señores:* Este título é exclusivo de Deus no A. T. (Dt **10**, 17), e indica aquí o dominio de Xesús Cristo sobre toda a creación.
**19**, 17-18 A seguridade da súa vitoria móstrase nesta chamada anticipada a todas as aves de rapina deste macabro xantar (cf **6**, 15-17).
**20**, 1-3 É a continuación de **19**, 11-21: a vitoria sobre o dragón, expresada no seu encadeamento, é o último feito liberador de Deus para a consumación das esperanzas apocalípticas de que Deus sometería as potencias infernais todas.
**20**, 2 *Satán*: lit. "diabo" (cf nota a Mt **4**, 1).
*Os mil anos* son un período de tempo moi grande que colle desde esta liberación das potencias infernais (as persecucións) ata a vinda definitiva de Xesús Cristo.
**20**, 3 A vitoria do Mesías sobre o dragón é unha liberación dos seus fieis das súas seducións, e non un castigo.
*O dragón* hase ver ceibo novamente durante un curto período de tempo, no que terá lugar a definitiva loita escatolóxica e a vitoria do Mesías, segundo as concepcións apocalípticas que o noso autor recolle en **20**, 7-10.
**20**, 4-6 Estes vv. descríbennos a sorte dos mártires e dos que sufriron a consecuencia da oposición das dúas bestas (**13**, 15-17) neste período de vida da Igrexa ata a resurrección final. Os vv. 1-3 preséntannos a Igrexa da terra sen maior problema; e os vv. 4-6 mostran a situación dos cristiáns que daquela estaban sufrindo. Esta visión resultaba de gran interese e encoraxamento para eles.
**20**, 4 Aínda que traducimos o termo grego "psykhás" por ánimas, a retrotradución ao hebreo daría "néfex": non é o que nós entendemos por alma, senón que é a vida en canto envolta en materialidade. O pensamento xudeu non chegou a unha comprensión da espiritualidade da alma, aínda que chegou a unha concepción da inmortalidade do home cunhas formas de vida moi pobres. Este xeito de vida non lles pode agradar aos perseguidos: por isto dise no v. 5 que volveron á vida, resucitaron coa primeira resurrección, o que na concepción do tempo implica unha certa materialidade. A esta resurrección chámalle o autor "a primeira", para distinguila da resurrección final que aparece nos vv. 12-15.
**20**, 8 Cf a profecía de Ez **38**-**39**, onde aparece Gog, rei de Magog, que fará a guerra contra o Israel restaurado. De aquí tomaron a literatura apocalíptica e os escritos rabínicos este símbolo dos poderes hostís ao pobo de Deus, aos que compre atacar despois do reino mesiánico, que é o reino milenario dos vv. anteriores.

guerra. O número destes é coma o das areas do mar. [9]Subiron por todo o ancho do mundo e rodearon o campamento dos santos e mais a cidade amada. Pero baixou do ceo lume e consumiunos. [10]E, despois de os engaiolar, ao demo botárono na lagoa de lume e xofre, onde xa estaban a besta e mais o falso profeta. Alí hanos castigar día e noite polos séculos dos séculos.

**Visión do xuízo universal e da vitoria sobre a Morte**

[11]Logo vin un gran trono branco e vin quen estaba nel sentado: da súa presenza fuxiron o ceo e a terra e deles non quedou nin rastro. [12]Logo vin os mortos, grandes e pequenos, de pé diante do trono; e abríronse uns libros. Abriuse tamén outro libro, o libro da vida; e aos mortos xulgáronos polo escrito nos libros, conforme as súas obras. [13]O mar entregou os mortos que nel había; e a Morte e o Hades entregaron os mortos que neles había; e a cadaquén xulgárono polas súas obras. [14]Á Morte e ao Hades botáronos na lagoa de lume. Esta é a Morte segunda: a lagoa do lume. [15]A quen non apareceu inscrito no libro da Vida, botárono na lagoa do lume.

## UNHA NOVA CREACIÓN E UNHA NOVA XERUSALÉN

**Visión dun mundo novo**

**21** [1]Logo vin un ceo novo e unha terra nova, pois o primeiro ceo e a primeira terra xa pasaran, e o mar xa non existía. [2]Tamén vin que a cidade santa, unha Xerusalén nova, baixaba do ceo de onda Deus, preparada coma a esposa que está engalanada para o seu esposo. [3]E sentín unha forte voz que desde o trono dicía:

—*Velaquí a tenda* de Deus onda os homes.
*Acampará entre eles:*
*eles serán o seu pobo*
*e* El será o seu Deus e compañeiro.
[4]*Enxugará todas as bágoas* dos seus ollos,
e a morte xa non existirá máis.
Nin haberá máis loito nin pranto nin dor,
porque as primeiras cousas pasaron xa.

[5]O que estaba sentado no trono dixo:

—Vede que volvo novas todas as cousas.

E mandóuseme:

—Escribe, porque estas palabras merecen fe e din a verdade.

[6]E seguiu dicindo:

—Xa están renovadas: eu son o Alfa e o Omega, o Principio e a Fin. A quen teña sede, heille dar de beber gratis auga das fontes da vida. [7]O vencedor será herdeiro de todo isto. *Eu serei para el o seu Deus e el será para min o meu fillo*. [8]Os covardes na loita, os que negan a fidelidade que prometeron, os corrompidos con abominacións, os asasinos, os luxuriosos, os bruxos, os idólatras e os que fían en mentiras, terán por lote a lagoa de xofre ardendo: que é a morte segunda.

**A nova Xerusalén**

[9]Logo veu un dos sete anxos que tiñan as sete cuncas cheas das sete derradeiras pragas, e falou comigo, dicindo:

—Ven acó, que che vou amosar a noiva, a esposa do Año.

[10]Levoume en espírito á cima dun monte moi grande e alto e amosoume a cidade santa, Xerusalén, que baixaba do ceo de onda

**20**, 11-15 Estes vv. descríbennos a resurrección dos mortos e o xuízo final, que seguen ao reino dos mil anos simbólicos e que marcan a fin deste mundo.

**20**, 11 Ante o xuízo de Deus, a creación enteira, partícipe do pecado do home (Xén **3**, 17), desaparece e é cambiada por unha nova, (Ap **21**, 1;). Este mesmo xeito de pensar aparece en Sal **102**, 26; Is **51**, 6; Mc **13**, 31; Feit **3**, 21; 2 Pe **3**, 7. 10-12. En Rm, en troques, fálase dunha liberación da creación; e en Mt **18**, 28, dunha renovación.

**20**, 12 Estes libros son os rexistros celestes dos feitos dos homes, imaxe propia da literatura apocalíptica (cf Is **65**, 6-7; Dn **7**, 10; Mal **3**, 16).

**21**, 1-**22**, 5 Constitúe literaria e teoloxicamente o punto culminante de todo o libro: Xoán quere animar os cristiáns perseguidos a que se manteñan fieis á súa fe; e faino clarificándolles o obxecto da esperanza, pola que están padecendo persecución. Presenta á contemplación dos lectores a visión profética da nova cidade celeste, á que ten que corresponder unha nova orde de cousas, un novo mundo.

**21**, 2 Cf **3**, 12; **22**, 19 *A cidade santa* que baixa do ceo, é obra de Deus (St **1**, 17; Heb **11**, 10). Chámaselle santa porque a enche a presenza gloriosa de Deus (cf vv. 22ss) e porque está consagrada a Deus (cf Is **54**; 60; Ez **48**, 30-35; Gál **4**, 26; Flp **3**, 20; Heb **12**, 22).

**21**, 3 O plural *pobos* parece a lectura máis probable, e deste xeito o autor dálles aos textos que cita unha perspectiva fortemente universalista. A cita é de Ez **37**, 26-28.

**21**, 4 Cf Is **25**, 8; **35**, 10; **65**, 19; Xer **3**, 16; Ap **7**, 16s.

**21**, 5 Cf Is **43**, 18s; 2 Cor **5**, 17; Gál **6**, 15. É o único intre en que fala Deus e proclama que cumprirá as promesas dos vv. 1-4.

**21**, 6 *Alfa e Omega*: cf **1**, 8.

**21**, 7 Cita de 2 Sam **7**, 14 (cf Xén **17**, 7; Sal **89**, 26s). Nesta cita hai un cambio moi propio da teoloxía da escola de Xoán: cámbiase o "seu Pai" dos textos do A. T. polo "seu Deus". Aínda que o autor afirma a filiación divina do cristián, a fórmula "seu Pai", "meu Pai" é exclusiva de Xesús Cristo, e deste xeito distingue a filiación divina de Xesús Cristo da do cristián.

Deus; [11]tiña a gloria do mesmo Deus. O seu resplandor imitaba o dunha pedra moi preciosa, unha pedra cristalina de xaspe. [12]Tiña unha muralla grande e alta con doce *portas* de entrada; e enriba das portas doce anxos; e escritos nelas os seus *nomes*, que son os das doce *tribos dos fillos de Israel*: [13]*tres portas polo nacente, tres portas polo norte, tres portas polo mediodía e tres portas polo poñente*. [14]A muralla da cidade tiña doce alicerces e sobre os alicerces, doce nomes, que son os dos doce apóstolos do Año.

[15]O que falaba comigo tiña consigo unha canivela de ouro, para medir a cidade coas súas portas e murallas. [16]A cidade era cadrada, tan longa coma ancha. Tomoulle a medida coa súa canivela: tiña doce mil estadios; longo, ancho e alto eran iguais. [17]Tomoulle a medida ao muro: tiña cento corenta e catro cóbados, medida normal de home, que usou o anxo. [18]O material do muro era xaspe, e o material da cidade era ouro puro, semellante ao cristal purísimo. [19]Os alicerces da muralla da cidade estaban con toda clase de pedras preciosas: os primeiros alicerces eran de xaspe, os segundos de zafiro, os terceiros de calcedonia, os cuartos de esmeralda, [20]o quinto de sardónix, o sexto de cornalina, o sétimo de crisólito, o oitavo de berilo, o noveno de topacio, o décimo de crisópraso, o undécimo de xacinto e o duodécimo de ametista. [21]As doce portas eran doce perlas, cada unha das portas era dunha soa perla. A praza da cidade era de ouro, puro coma cristal relucente. [22]Nela non vin santuario ningún, porque o seu santuario é o Señor Deus, que todo o sostén, e mais o Año. [23]A cidade non precisa sol nin lúa que a ilumine, que a ilumina a gloria de Deus; e o Año é a súa lámpada.

### A vida na nova Xerusalén

[24]Os xentís pasearán á súa luz, e os reis da terra achegarán a ela a súa gloria. [25]As portas endexamais non se pecharán de día, que noite alí non a hai. [26]Alí levarán o esplendor e mais as riquezas das nacións; [27]pero endexamais non entrará nela nada lixado nin ningún idólatra ou mentireiro: só os que están inscritos no libro da vida, que ten o Año.

**22** [1]Daquela mostroume un río de auga vivificadora, clara coma un cristal, que saía do trono de Deus e do Año. [2]*Contra do medio* da rúa principal da cidade, *a unha e outra beira do río, había unha árbore da vida*, que dá doce colleitas por ano, *unha cada mes*, e *os froitos e as follas* destas árbores *son boas para curar* ás nacións.

[3]Alí endexamais non haberá nada maldito. Nela estará o trono de Deus e mais do Año; e será alí onde os seus servidores o servirán. [4]Verano cara a cara, e levarán o seu nome escrito na fronte. [5]Alí endexamais non haberá noite nin precisarán da luz da lámpada nin da luz do sol, porque o Señor Deus será a luz que os alume, e eles serán reis polos séculos dos séculos.

**21**, 12-14 A estrutura da cidade é a mesma ca a descrita en Ez **48**, 30-35. A repetición do número 12 as 12 tribos, quere expresar en simbolismo numérico a continuidade da Xerusalén celeste co pobo de Deus do A. T.

**21**, 14 A fidelidade á doutrina dos apóstolos é a base e a firmeza da esperanza de ter parte na Xerusalén celeste.

**21**, 15-17 Cf Ez **40**, 3 ss. As medidas da cidade teñen como base os números 12 (símbolo do pobo de Deus) e 1 000 (símbolo dunha gran multitude).

**21**, 18-20 Os materiais e os adornos constitúen un fantástico conxunto de riqueza e esplendor refinadísimos: merecen especial atención os alicerces da muralla, que, segundo o v. 14, son os doce apóstolos; preséntanse adornados con doce clases de pedras preciosas, tomadas do pectoral do sumo sacerdote (Ez **28**, 17-21; **39**, 10-14; cf tamén Tob **13**, 16ss; Is **54**, 11ss; Ez **28**, 13), o que nos trae, nesta linguaxe simbólica, ao tema do sacerdocio dos apóstolos.

**21**, 22 *O santuario* era o lugar reservado exclusivamente para o contacto relixioso con Deus. Non pode haber na cidade celeste un lugar reservado para isto, xa que toda ela é santuario, lugar de comunicación con Deus. O tema do templo celeste (**11**, 19; **14**, 15-17; **15**, 5-16) amplíase na imaxe da cidade celeste.

**21**, 24 A distinción pola orixe xudía ou pagá: os pagáns, cristiáns pola súa fe, teñen acollida na cidade (Is **60**, 3).

**22**, 1 *O trono de Deus e do Año* constitúen o santuario de onde xorde a fonte (río) da auga vivificadora (cf Xén **2**, 10-14; Sal **46**, 4; Xer **2**, 13; Ez **47**, 1-12; Xl **3**, 18; Zac **14**, 8).

**22**, 2 *Árbore* ten aquí un sentido colectivo: son árbores á disposición de todos; o sentido vivificador destas árbores chega ata as follas, que son vivificadoras. As citas son de Ez **47**, 12.

**22**, 4 Deus é invisible para o home (Xn **1**, 18), incluso para o mesmo Moisés (Éx **33**, 20. 23). Os salmistas anhelaban ver a Deus, polo menos na celebración litúrxica (Sal **17**, 15; **42**, 2); pero este anhelo do home relixioso só se cumprirá na escatoloxía definitiva (Mt **5**, 8; 1 Cor **13**, 12; Heb **12**, 14; 1 Xn **3**, 2).

# EPÍLOGO

### O anxo, Xoán e Xesús dan fe do libro

6Logo díxome:

–Estas palabras merecen fe e son verdadeiras, pois o Señor, o Deus que inspira os profetas, mandou o seu anxo, para que lles amosase aos que o serven as cousas que han acontecer axiña. 7Mira que veño deseguida. Benia o que fai caso ás profecías que están neste libro.

8Eu, Xoán, son o que oín e vin todo isto. Cando o acabei de oír e ver, prostreime en adoración aos pés do anxo que mo amosaba. 9Pero el díxome:

–Non, iso non! Eu son compañeiro de servizo teu e dos teus irmáns os profetas e dos que fan caso das palabras deste libro: adorar, adora a Deus.

10E díxome:

–Non gardes en secreto a mensaxe profética deste libro, que o intre do seu cumprimento está a chegar. 11Quen fai mal, que o siga facendo; o que é impuro, que siga na impureza; o que é honrado, que siga actuando honradamente; o de conciencia limpa, que a siga mantendo limpa. 12Mira que vou chegar axiña e traio comigo a miña paga, para lle pagar a cada un conforme o seu traballo. 13Eu son o Alfa e o Omega, o Primeiro e o Último, o Principio e a Fin.

### Liturxia conclusiva

14Benia os que teñen lavada a súa roupa, para teren dereito á árbore da vida e a entraren polas portas da cidade. 15Fóra quedarán os cans, os bruxos, os luxuriosos, os asasinos, os idólatras, e todo o que é amigo das mentiras e fai trampas.

16Eu, Xesús, mandeivos o meu anxo, para que vos dese testemuño de todo isto que se refire ás igrexas. Eu son o renovo e a descendencia de David, o luceiro brillante da mañá.

17O Espírito e a esposa din:

–Ven.

Quen escoita, que diga:

–Ven.

Quen teña sede, que veña; o que queira, que colla de balde auga da vida.

18A todo o que escoite as profecías deste libro declárolle que, se alguén engade algo ao aquí escrito, Deus mandaralle as pragas escritas neste libro. 19E se alguén quita algo do contido neste libro profético, Deus quitaralle a súa participación da árbore da vida e da cidade santa, descritas neste libro.

20Quen testemuña estas cousas, di:

–Si, veño axiña.

Amén! Ven, Señor Xesús!

21A graza do Señor Xesús vos acompañe a todos!

**22**, 6 Conforme a alusión incluínte que segue a **1**, 1, a expresión *estas palabras* refírese a todo o contido do libro.
**22**, 11 Esta sorprendente orde de seguir facendo o mal, parece querer destacar a inminencia do xuízo de Deus; nos derradeiros tempos xa non haberá lugar ao arrepentimento (Mt **25**, 10; Lc **13**, 25).
**22**, 13 Cf nota a **1**, 8.
**22**, 15 *Cans*: esta palabra quere expresar a impureza dos pagáns, a quen se lles aplica xa no A. T. (Dt **23**, 19; Mt **7**, 6; **15**, 26; 2 Pe **2**, 22).
**22**, 16 Cf Is **11**, 1ss; Mt **1**, 1ss; Rm **1**, 3; 2 Tim **2**, 8.
*Luceiro da mañá*: título alusivo a Núm **24**, 17, que, segundo as interpretacións do tempo e anteriores (Targ N, LXX, *Targumim*, Mt **2**, 3; 2 Pe **1**, 19), tiña sentido mesiánico.
**22**, 17 *Quen escoita*: é o que asiste á liturxia onde se lía este libro.
**22**, 18-19 As maldicións contra os que falsifiquen o contido do libro están tomadas de Dt **4**, 2, e eran un xeito normal de rematar un libro profético.
**22**, 20 *Ven, Señor Xesús*: é a tradución ao grego dunha fórmula litúrxica cristiá primitiva (1 Cor **16**, 22) de forte arela da chegada da escatoloxía.
Esta oración, á fin de toda a Biblia, é unha perfecta síntese dela, que é a historia das diferentes vindas de Deus para intervir na historia da humanidade. Remata cunha proclamación profética da vinda definitiva de Xesús e cunha súplica no mesmo sentido.

# APÉNDICES

# CRONOLOXÍA DA BIBLIA

## 1. ANTIGO TESTAMENTO

É difícil facer unha táboa cronolóxica do A. T., xa que o período máis antigo fica moi remoto e hai poucos testemuños, en tanto que dos tempos máis recentes, aínda que hai maior número de datos, estes son ás veces contrapostos. As dificultades do valor simbólico dalgúns números, o diferente xeito de contar os anos dos reinados, as anticipacións literarias nos escritos serodios e mesmo a falta de interese polo tema cronolóxico no mundo da Biblia, constitúen dificultades en certos casos insuperables. Certo que as escavacións arqueolóxicas e os últimos descubrimentos de manuscritos extrabíblicos verteron abonda luz, conseguindo así encher lagoas cronolóxicas e axudando a interpretar os xéneros literarios de mil anos de historia. En calquera caso, non debe estrañarlle a ninguén o atopar certas diferenzas nos intentos de reconstrución dunha historia distante, como é a do Antigo Testamento. Trataremos de axustarnos o máis posible aos feitos.

### 1.1. **Desde os patriarcas ata o Éxodo**

Entre os anos 1800 e 1700: os patriarcas (Abraham, Isaac e Xacob), na terra de Canaán.

Entre o ano 1700 e o 1280: Xosé e mais o seu clan, en Exipto.

### 1.2. **Desde o Éxodo ata o paso do Xordán**

Ao redor do ano 1280: Saída de Exipto e Alianza no Sinaí.

Ao redor do ano 1250: Morte de Moisés.

### 1.3. **Desde o paso do Xordán ata a Monarquía**

Ao redor do ano 1250: Xosué conduce os israelitas á terra de Canaán.

Ao redor do ano 1200: Os filisteos establécense na costa Sur de Palestina.

### **Desde o ano 1200 ao 1030: Período dos Xuíces**

Ao redor do ano 1050: Morte de Elí.

Ao redor do ano 1040: Samuel, profeta e xuíz de Israel.

### 1.4. **A Monarquía desde Xaúl ata a morte de Salomón**

Desde o ano 1030 ao 1010: Reinado de Xaúl.

Desde o ano 1010 ao 970: Reinado de David (primeiro no Sur, e despois en todo Israel).

Desde o ano 970 ao 931: Reinado de Salomón en todo Israel.

Construción do templo de Xerusalén.

Traballo dos escribas na corte: obra histórica iavista (J) e primeiras coleccións de Proverbios.

1.5. **Desde a división da Monarquía ata a caída de Xudá** (cf Introd. aos Libros dos Reis).

1.5.1. *O Reino de Israel ou Reino do Norte*

Do 931 ao 910: Reinado de Ieroboam I.
Do 910 ao 732: Reis, desde Nadab ata Pécah.
Obra histórica elohista (E), probablemente no reinado de Ieroboam II (782/1-753).

—No reinado de Acab (874/3-853) exerce Elías o seu ministerio profético.
—Ao desaparecer Elías, e reinando Iehoram, Iehú e Ioacaz, profetiza Eliseo, que morre nos tempos de Ioax (835/796).
—Nos tempos de Ieroboam II (782/1-753) exerce o ministerio profético Amós; e, uns anos despois del, comeza Oseas.

Do 732 ao 724: Reinado de Oseas.
Samaria, cercada polos asirios.
Ano 722/1: Caída de Samaria, deportación dos habitantes e fin do Reino do Norte.

—A pouco de caer Samaria, proclamou a palabra de Deus Xeremías, comezando probablemente o seu ministerio no Norte, mentres que en Xudá reinaba Ioxías.

1.5.2. *O reino de Xudá ou Reino do Sur*

Do 931 ao 913: Reinado de Roboam.
Do 913 ao 716: Reis, desde Abiiam ata Acaz.

Do 716 ao 687: Reinado de Ezequías.
Do 687 ao 640: Reinado do "impío Menaxés", e de Amón, o seu sucesor.
Do 640 ao 609: Reinado de Ioxías: Descubrimento do Libro da Lei (622), e reforma relixiosa, na liña do Dt. Tradición deuteronómica (D), que comezara no Norte. Toman corpo os libros de Xosué, Xuíces, Samuel e Reis.
Do 609 ao 598: Reinado de Ioacaz, Ioaquim e Ioaquín (Iekonías).
Ano 598/7: Asedio e caída de Xerusalén, e primeira deportación a Babilonia.
Do 598/7 ao 587: Reinado de Sedecías, por concesión dos babilonios.
Ano 589/8: Rebelión de Sedecías.

—Nos reinados de Iotam (740-735), Acaz (735-716) e Ezequías, profetizaron Isaías e Miqueas.
—Nos tempos de Menaxés, exerceu o profetismo Nahum (ao redor do 645).
—Nos tempos de Ioxías, profetizou Sofonías. Algúns consideran desta época a Xoel.
—Nos tempos de Ioaquim, Ioaquín e Sedecías, profetizaron Xeremías, Ezequiel e Habacuc.

1.6. **O desterro**

Ano 587/6: Caída de Xerusalén e segunda deportación a Babilonia. Guedalías, gobernador, ata que, aos poucos meses, é asasinado.

Ano 582/1: Terceira deportación a Babilonia.

1.6.1. *En Babilonia*

Actividade profética do Déutero-Isaías, e de Ezequiel. Tradición sacerdotal (P).

1.6.2. *Na Palestina*

Ao redor do ano 560: Probablemente en Mispah: xorde a obra histórica deuteronomista (dtr).

1.7. **Período persa**

Ano 538: Edicto de Ciro o Persa, permitíndolles aos desterrados volver aos seus países.

Do 520 ao 515: Reconstrución do templo.

Ano 445: Viaxe de Nehemías a Xerusalén, para restaurar os muros da cidade.

Ano 432: Nova viaxe de Nehemías a Xerusalén, para facer outras obras.

Ano 398: Misión de Esdras.

—Neste período exercen a súa actividade os chamados "Profetas postexílicos": o Trito-Isaías, Axeo, o Proto-Zacarías, Xoel, Malaquías, Abdías e mais o autor das Apocalipses de Isaías. Ao remate do período persa ou ao comezo do período grego, profetiza Xonás, e mais o Déutero-Zacarías.

—Os sabios elaboran os libros dos Proverbios, Salmos, Xob, Tobías, Cántico, Rut e Xonás.

—O escriba Esdras promulga a Lei, formada polas tradicións J-E-D-P.

1.8. **Período grego**

Ano 333/2: Alexandre o Magno conquista Palestina.

Do 320 ao 200: Palestina, sometida aos Ptolomeos ou Láxidas (establecidos en Exipto).

Do 200 ao 142: Palestina, sometida aos Seléucidas (establecidos en Siria).

Ano 168/7: Antíoco IV Epífanes coloca unha estatua de Zeus no templo de Xerusalén. Revolta dos Macabeos.
Ano 164: Xudas o Macabeo entra en Xerusalén e purifica o templo.
Ano 152: Ionatán, sumo sacerdote.
Ano 143: Simón sucede a Ionatán.
Ano 134: Reina Xoán Hircano I, fillo de Simón. Ata a subida ao trono de Herodes o Grande, reinarán os asmoneos (sucesores de Simón).

—Neste período levouse adiante a "Obra do Cronista", que frutificou nos dous libros das Crónicas, e nos de Esdras e Nehemías.
—Tamén son deste período o Eclesiastés, Daniel, Ester e os dous libros dos Macabeos.
—En Alexandría faise a versión dos LXX, que recolle, a parte dos libros da Biblia hebrea, os do Eclesiástico, Tobías, Xudit, os dous dos Macabeos, Baruc e Sabedoría, e mais os anacos gregos de Daniel e Ester.

1.9. **Período romano**

Ano 63: Pompeio conquista Xerusalén.
Do 37 ao 4 a. C.: Herodes o Grande, rei de Palestina.

## 2. NOVO TESTAMENTO

É difícil sinalar con exactitude as datas dos acontecementos do Novo Testamento, debido a que os autores, aínda que tiñan certa preocupación histórica, carecían dun interese de tipo cronolóxico. Con todo, partindo dos datos soltos que encontramos nos Feitos dos Apóstolos, nas cartas de Paulo e nos Evanxeos, e completándoos con algunha achega da historia profana, podemos ofrecer con certas garantías o cadro cronolóxico que segue:

2.1. **Mundo civil e xudeu**

37-4 a. C.: Herodes o Grande, rei dos xudeus.
27 a. C.-14 d. C.: Octaviano Augusto, emperador romano.
4 a. C.: Morre Herodes o Grande.
4 a. C.-6 d. C.: Arquelao, etnarca de Xudea e Samaria.
6-41 d. C.: Xudea e Samaria, sometidas aos procuradores romanos.
26-36: Poncio Pilato, procurador de Xudea.

2.2. **Mundo cristián**

7/5 a. C.: Nace Xesús de Nazaré*.

20/25: Paulo, na escola de Gamaliel.

28: Comeza a vida pública de Xesús.
28/29: Morte do Bautista.

| | |
|---|---|
| | 30: Morte de Xesús.<br>33/34: Morte de Estevo. |
| 37-41: Calígula, emperador de Roma. | 35-39: Conversión de Paulo, estadía en Arabia e en Damasco, e primeira visita a Xerusalén. |
| 41-54: Claudio, emperador de Roma | 39-43: Apostolado de Paulo en Siria e en Cilicia. |
| 41-44: Herodes Agripa I, rei de Palestina | 44 (pola Pascua): Morte de Santiago o Maior. |
| 44: Morre Agripa I. Nova serie de procuradores romanos (ata o ano 66) | 44-45: Estadía de Paulo en Antioquía. |
| 48: Agripa II, etnarca | 45-49: Primeira viaxe misioneira de Paulo. |
| 49: Decreto de Claudio, botando aos xudeus de Roma | 49/50: Concilio de Xerusalén e conflito de Antioquía. |
| | 50-52: Segunda viaxe misioneira de Paulo. |
| 51-52: Galión, procónsul de Acaia | 51-52: Primeira e segunda Carta aos Tesalonicenses. |
| | 52: Paulo comparece diante de Galión. |
| 52-60: Fiz, procurador de Xudea | 53-58: Terceira viaxe misioneira de Paulo. |
| 54-68: Nerón, emperador de Roma | 54-57: Carta aos Gálatas. Primeira Carta aos Corintios. Carta aos Filipenses. |
| | 55-62: Carta de Santiago. |
| | 57: Segunda Carta aos Corintios. |
| | 57/58: Carta aos Romanos. |
| | 58-60: Paulo en Cesarea, na cadea. |
| | 60: Paulo viaxa a Roma, preso. |
| 60-62: Porcio Festo, procurador de Xudea | 60-65: Carta de Santiago. Primeira Carta de Pedro. |
| | 61-63: Paulo en Roma, en arresto domiciliario. Cartas a Filemón, aos Colosenses e aos Efesios. |
| 62-64: Lucelio Albino, procurador de Xudea | 62: Morte de Santiago o "irmán de Xesús", o chamado Xusto. |
| 64-68: Gessio Floro, procurador de Xudea | 63-66: Últimas viaxes de Paulo. |
| | 63/65: Morte de Pedro. |
| 66-74: Guerra de Xudea contra Roma | 65-70: Evanxeo segundo Marcos. Epístola aos Hebreos |
| 69-79: Vespasiano, emperador de Roma | 66-67: Segunda catividade romana, e morte de Paulo. |
| 70: Tito conquista Xerusalén | 70/80: Evanxeo segundo Lucas e Feitos dos Apóstolos. |
| 74: Caída de Masada, e fin da guerra | |
| 79-81: Tito, emperador de Roma | 80/90: Evanxeo grego segundo Mateo. Cartas Pastorais. Carta de Xudas. |
| 81-96: Domiciano, emperador de Roma | |
| 90: Sínodo de Iamnia (Iabne) | 85/90: Expulsión dos cristiáns da Sinagoga. |
| | 90/95: Apocalipse de Xoán. |
| | 90/100: Cartas de Xoán. Evanxeo segundo Xoán. |
| | 100/125: Segunda Carta de Pedro. |
| 132-135: 2.ª Revolta xudía contra Roma (Bar Koxba) | |

*Xosé Fernández Lago*

# ÍNDICE TEOLÓXICO CONCEPTUAL


**Abba** (papaíño): Referido a Deus: Sab **2**, 16; Eclo **23**, 1-4; dito por Xesús: Mt **23**, 9; Mc **14**, 36; dito polos cristiáns: Rm **8**, 15; Gál **4**, 6; cf Lc **11**, 2.

**Abel**: Xén **4**, 2-**4**, 25. O xusto asasinado polo que era da caste do demo: Mt **23**, 35; Lc **11**, 51; 1Xn **3**, 12 o seu sangue clama e segue falando: Heb **11**, 4; **12**, 24.

**Ablucións**: Lavados rituais: Lev **14-15**; 2Cro **4**, 6; coa palabra profética teñen poder de curar: 2Re **5**, 10ss; sinal da purificación de pecado: Sal **51**, 4. 9; Is **4**, 4; Ez **36**, 25; Zac **13**, 1; precisa do arrepentimento: Xer **2**, 22; Xesús dálles pouca importancia: Mt **15**, 1-20; Mc **7**, 1-23, aínda que realiza ablucións como xesto simbólico da moral do Reino: Xn **13**, 2-17; e institúe un rito de ablucións para expresar a entrada no Reino: Feit **2**, 16; 1Cor **6**, 11; Heb **10**, 22.

**Abnegación**: Do cristián para seguir a Xesús: Mt **16**, 24; Lc **21**, 20.

**Abominación da desolación**: Dn **9**, 27; **11**, 31; **12**,11; 1Mac **1**, 57; 2Mac **6**, 2; Mt **24**, 15; Mc **13**, 14; Lc **21**, 20.

**Abraham**: Tradicións: Xén **12-25**; a súa fe e fidelidade: Neh **9**, 7-8; 1Mac **2**, 25; Rm **4**, 1-25; Gál **3**, 6-29; Heb **11**, 7-8. 17; St **2**, 23; fillos de Abraham, os xudeus: Is **51**, 1-6; Xn **8**, 33; Xesús, máis importante ca Abraham: Xn **8**, 35. 58.

**Abstinencia**: Do sangue: Xén **9**, 3ss; Lev **3**, 17; **7**, 26; **17**, 10-14; Dt **12**, 16. 23-25; Feit **15**, 20; de animais impuros: Lev **11**, 13. 47; Dt **14**, 11; de animais afogados: Lev **17**, 13-14; Dt **15**, 23; Feit **15**, 20. 29; de carnes que foron ofrendadas aos ídolos: Feit **15**, 28-29; 1Cor **8**-10; pola resurrección de Xesús todo quedou purificado: Feit **10**, 10-16.

**Acción de grazas**: Textos do ritual individual: Sal **9**; **30**; **31**; **34**; **40**; **41**; **65**; **66**; **92**; **103**; **107**; **116**; **118**; **138**; textos do ritual colectivo: Sal **47**; **48**; **66**; **67**; **76**; **124**; textos do ritual de agradecemento polo perdón e os feitos salvíficos de Deus: 1Sam **2**, 1-10; Sal **9**; **28**; **33**; **103**; **104**; **111**; **113**; **117**; **135**; **136**; **144**; **145**; **146**; **147**; **148**; **150**; Is **38**, 10-22; Cantos á salvación escatolóxica: Lc **1**, 46-55. 68-79; Xesús dálle grazas ao Pai: Mt **14**, 19; **15**, 36; Lc **24**, 30; Xn **11**, 41; a Eucaristía é a suprema acción de grazas ata a volta do Señor: Mt **26**, 26-27; 1Cor **11**, 23ss; a Igrexa dá grazas: Rm **1**, 8; **7**, 25; Col **3**, 17; Ap **11**, 17.

**Aceite**: Froito característico da terra prometida: Dt **8**, 8; **28**, 40; **33**, 24 para usos sacros: Éx **27**, 20; **29**, 2. 23; **30**, 23-26; Lev **24**, 2; Núm **7**, 13; **18**, 12; para alumar: Mt **25**, 3-4. 8; para perfumes: Est **2**, 12; Is **1**, 6; sinal e instrumento sacro de saúde física: Lc **10**, 34.

**Acepción de persoas**: Non existe en Deus: Dt **10**, 17; 2Cro **19**, 7; Xob **34**, 19; nin en Xesús: Mt **22**, 16; Lc **20**, 21; prohíbese nos xuízos: Lev **19**, 15; Dt **1**, 17; **16**, 19; Pr **18**, 5; Eclo **4**, 22; foi moi reprendida polos profetas: Is **1**, 23; Xer **22**, 3; Ez **22**, 12; Am **5**, 12. 15.

**Adiviñación**: Lexítima nun comezo: Xén **35**, 22; **37**, 41; Éx **38**, 30; 1Sam **9**, 16; **23**, 6. 10-13; **30**, 7-9; 2Sam **2**, 1-2; prohibida desde o s. VII: Lev **19**, 31; **20**, 6. 27; Dt **18**, 9-14; 1Sam **28**, 3. 7; 2Re **1**, 2-4; **21**, 6. 9. 11; **23**, 24; Xer **27**, 9; Miq **5**, 11.

**Adopción divina**: Para o rei: 2Sam **7**, 14-15; Sal **2**, 7-8; **72**; **89**, 27-30; **101**; **110**; **132**; para o sabio: Sab **2**, 16; **5**, 1-5; Eclo **51**, 10; para o pobo: Éx **4**, 22; Dt **32**, 6; Is **63**, 16; Xer **31**, 9; Os **11**, 1 para cada cristián: Mt **5**, 9; **12**, 50; **28**, 10; Xn **1**, 12-13; **20**, 17; Rm **8**, 14-17. 23. 29; **9**, 4; Gál **3**, 26. 29; **4**, 4-7; Ef **1**, 5; St **1**, 18; **2**, 5; 2Pe **1**, 4; 1Xn **3**, 2.

**Adoración**: A Deus: Est **3**, 2; Mt **4**, 1; Xn **4**, 20; Feit **10**, 26; Heb **1**, 6; Ap **4**, 8-11; **7**, 12; a Xesús: Mt **2**, 11; **8**, 2; **9**, 18; **15**, 25 (e paral.); Xn **9**, 38; aos anxos: Ap **19**, 9; **22**, 8-9.

**Adulterio**: Prohibido pola Lei: Éx **20**, 14; Lev **20**, 10; Dt **5**, 21; castigado coa lapidación: Dt **22**, 23-28; Ez **16**, 40; Xn **8**, 5; priva da pertenza ao Reino de Deus: Rm **2**, 2; 1Cor **6**, 9; Heb **13**, 4.

**Aharón**: Portavoz de Moisés: Éx **4**, 13-16. 27-35; **5**, 1-5; **8**, 1-19; **18**, 1-12. Sumo Sacerdote: Éx **39**, 1-31; Lev **8**-**9**; **10**; Núm **12**; **16-17**; Heb **5**, 1-10; **7**, 11-19; **9**, 4.

**Alfa e Omega**: Título cristolóxico: Ap **1**, 8; **21**, 6; **22**, 13.

**Alegría**: Don de Deus ao xusto: Sal **4**, 8; **13**, 6; **118**, 24s; **119**, 24; Pr **17**, 22; Is **49**, 13; **51**, 11; **52**, 9; **54**, 1; **55**, 12; **65**, 17; característica dos tempos mesiánicos: Mt **2**, 10; Lc **1**, 14. 18; **2**, 10; Xn **3**, 29; froito do Espírito Santo: Lc **10**, 21; Feit **13**, 52; Gál **5**, 22; algo propio da vida cristiá: Flp **3**, 1; **4**, 4; 1Tes **5**, 16; a mesma persecución, motivo de alegría: Mt **5**, 12; Lc **6**, 23; Feit **5**, 41; 2Cor **7**, 4; Col **1**, 11. 24; 1Tes **1**, 6;

Heb **10**, 34; 1Pe **1**, 8; **4**, 13; algo propio da comunidade cristiá: Feit **11**, 23; Rm **15**, 32; 2Cor **2**, 3; Flp **1**, 4. 25; **2**, 17-19; **4**, 1; 1Xn **1**, 4; o xefe da comunidade é responsable da alegría de todos: 2Cor **1**, 24; cf 2Cor **6**, 10; alegría e esperanza: Rm **12**, 12; Heb **12**, 2.

**Alianza**: Con Adán: Xén **2-3**; con Noé: Xén **8**, 20-**9**, 17; con Abraham: Xén **17**; con Israel no Sinaí: Éx **19**, 1-20; **24**, 1-11; a súa renovación: Éx **34**, 1-28; Dt **28**, 69; Xos **24**, 1-28; a morte de Xesús, sacrificio de alianza: Mt **26**, 28; Mc **14**, 24; cf Éx **24**, 8; a morte de Xesús, sacrificio da nova alianza: Lc **22**, 20; 1Cor **11**, 25; cf Is **55**, 3; Xer **31**, 33; Ez **36**, 27; a nova alianza anula a antiga: Heb **8**, 13; na nova alianza, o Espírito dáselles a toda clase de persoas: Feit **2**, 16-18; a lei é interna: Heb **8**, 10; tense experiencia de Deus: Heb **8**, 11; cf Xn **6**, 45; **14**, 23; 1Xn **2**, 20-21; concédese o perdón dos pecados: Heb **8**, 12; **10**, 15. 18; e a irmandade universal: Ap **4**, 9-10; cf Ef **2**, 13-16.

**Altar**: Para o culto: Xén **4**, 3-4; **8**, 20; **12**, 7-8; **13**, 18; Éx **20**, 24-25; Dt **12**, 13. 14; altar dos sacrificios: Éx **27**, 1-8; **39**, 39; X1 **2**, 17; 1Mac **7**, 36-38; Mt **5**, 23-24; o altar dos perfumes: Éx **30**, 27; Lev **16**, 14-19; 1Re **6**, 2; o altar da Eucaristía cristiá: Heb **13**, 10 a mesa do Señor: Feit **2**, 46; **20**, 11; 1Cor **10**, 21; **11**, 20-34.

**Amén**. Xesús é o cumprimento das promesas: Ap **3**, 14; partícula afirmativa de énfase: Mt **24**, 47; Lc **12**, 44; Xn **1**, 55; **3**, 11; **13**, 16. 21. 38; remate dunha doxoloxía: Sal **41**, 14; **72**, 19; **89**, 53; **106**, 48; Rm **1**, 25; **9**, 5; **11**, 36; **15**, 33; 2Cor **1**, 20; 1Pe **4**, 11; **5**, 11; 2Pe **3**, 18; Ap **1**, 6; **7**, 12; **22**, 20-21.

**Amigo**: Comportamento desinteresado: Lev **19**, 18; Mt **5**, 43; amizade de David e Ionatán: 1Sam **18**, 1; **20**; 2Sam **1**, 19-27; **15**, 37; **16**, 16; un amigo é comparable a un tesouro: Xob **2**, 11; **19**, 21; Pr **13**, 20; **18**, 24; Eclo **6**, 7-17; **9**, 10; **27**, 1-6; Deus amigo: Lc **11**, 5-8; Tit **3**, 4; St **2**, 23; 2Pe **1**, 14; Xesús, amigo: Mt **20**, 13; **26**, 50; Mc **10**, 21; Lc **22**, 28ss; Xn **11**, 3. 11. 35ss; **13**, 23; **15**, 15; **19**, 26; como actitude cristiá: Mt **5**, 46; Lc **21**, 16; Xn **15**, 22ss; Feit **15**, 36-39; Rm **12**, 13-21; Gál **3**, 28; 2Tim **4**, 10-14.

**Amor**: O amor sexual é obra de Deus: Xén **1**, 27; **2**, 18. 24; **24**, 67; **26**, 8; **29**, 18; 1Cor **7**, 3; Ef **5**, 28-33; Tit **2**, 4; Deus fai pacto de amor co home: Xén **6-9**; **12**, 1-4; **13**, 14-17; **15**, 18; Deus ama o pobo gratuitamente: Éx **19**, 5-6; Dt **3**, 29; **7**, 7. 12-16; **10**, 15; Xer **31**, 3. 19-20; Os **6**, 1-2; **11**, 9; o amor do Pai manifestado en Xesucristo: Mc **1**, 11; **9**, 7; **12**, 6; Lc **3**, 16-19. 35-36; **10**, 17; **14**, 18; **15**, 9; Rm **5**, 6. 8. 39; **8**, 32; Gál **4**, 4-7; Tit **3**, 5; 1Xn **3**, 1; **4**, 9-19; Deus é amor: Xn **17**, 24. 26; 1Xn **4**, 8. 16; amor universal que busca a resposta do home: Éx **20**, 6; Sab **11**, 23; Is **19**, 25; **40**, 11; **43**, 3; **45**, 22; **49**, 6; Xer **3**, 19; **23**, 1-4; Mt **10**, 40; **22**, 37; **26**, 53; Mc **3**, 13; **10**, 21. 45; **14**, 24. 32. 41. 50; **15**, 29-32; Lc **7**, 36-50; **8**, 1ss; **9**, 22. 58; **14**, 25ss; **17**, 25; **19**, 1-10; **24**, 7. 26; Xn **6**, 60-71; **8**, 24; **10**, 17ss; **13**, 1; **14**, 15. 21-24; **15**, 13; **17**, 4; Rm **8**, 28; 1Cor **8**, 3; 2Cor **5**, 14ss; Gál **2**, 20; Ef **5**, 25ss; Flp **2**, 8; 1Tim **2**, 5ss; Heb **2**, 8; **4**, 15; 1Xn **5**, 2; os dous amores: Mt **5**, 1ss; **25**, 31-46; Mc **12**, 28-33; Lc **6**, 27-36; Xn **13**, 34ss; Rm **5**, 5-10; **13**, 8ss; **15**, 30; 1Cor **12**, 12; Gál **5**, 6. 22; **6**, 2; Col **3**, 14; 1Tes **4**, 9; 1Xn **3**, 16; **4**, 7. 11ss; o amor é un don: Mt **5**, 23-26. 43-47; **6**, 12. 14ss; **18**, 21ss; Mc **10**, 45; Lc **7**, 39; **10**, 29-37; **14**, 13; Rm **5**, 6ss; **12**, 14-21; 1Cor **8**, 1; **13**, 1-13; Gál **3**, 28; **5**, 13; Ef **4**, 16; Flp **2**, 1-11; o amor é comuñón: Xn **3**, 16; **12**, 24ss; **13**, 34-35; **15**, 16; **17**, 9-21. 26; 1Xn **2**, 15; **3**, 11-18; **4**, 7-**5**, 4.

**Anatema**: Destrución total na guerra santa: Lev **27**, 28-29; Núm **21**, 1-3; Dt **7**; Xos **6**, 17-21; **8**, 22-24; **10**, 28-42; Xdt **16**, 23; 2Mac **9**, 16; Lc **21**, 5; costume bárbaro que foi desaparecendo: Esd **10**, 8; 1Mac **2**, 38; **3**, 39-42; **4**, 18-23; Sab **1**, 13; Ez **18**, 4; Xon **4**, 2. 10-11; no N. T. redúcese á excomuñón da comunidade: Mc **14**, 71; Xn **9**, 22; **12**, 42; **16**, 2; Feit **23**, 12; Rm **9**, 3; 1Cor **5**, 5; **12**, 3; **16**, 22; Gál **1**, 8-9.

**Animais**: Catálogos e características: Lev **11**, 1-42; **20**, 25-26; Dt **14**, 3-21; superación da división entre puros e impuros: Mt **15**, 10-20 (e paral.); Feit **10**, 9-16; **11**, 1-18.

**Anticristo**: 2Tes **2**, 4; Ap **11**, 1; **12**, 18; **13**, 3. 11. 15; **15**, 2; **17**, 1.

**Anxos**: Están presentes nas tradicións antigas: Xén **3**, 24; **6**, 2; **18**, 1ss; **22**, 1ss; interveñen na vida das persoas: Éx **20**, 11; **23**, 20; Xob **1**, 6; **2**, 1; Sab **7**, 23; median entre Deus e as persoas: Xén **28**, 12; 2Re **1**, 3. 15; 1Cro **21**, 8; **19**, 5; Tob **5**, 17-27; **12**, 12; Sal **91**, 11; Is **6**, 2ss; Dn **3**, 49-50; **4**, 10-14; **6**, 23; **7**, 10; **10**, 13. 20; Mt **28**, 5ss; Lc **1**, 19-26; **2**, 9-14; **16**, 24; Feit **1**, 10ss; **12**, 15; Col **2**, 18; Heb **1**, 14 Ap **4**, 8-11; **5**, 8; **8**, 3; **12**, 1-19; **22**, 8ss; os anxos e Xesús: Mt **4**, 11; **13**, 39. 41; **18**, 10; **22**, 30; **24**, 31. 36; **25**, 31; **26**, 53; Lc **15**, 10; **22**, 43; Ef **1**, 20ss; Col **1**, 16; 1Tes **4**, 16; 2Tes **1**, 7; 1Tim **3**, 6; Heb **1**, 6ss; 1Pe **1**, 12; Ap **5**, 11ss; **7**, 11; **14**, 14-16; o número de anxos é incontable: Xén **32**, 2ss; 1Re **22**, 19; Sal **148**, 2; Dn **7**, 10; Mt **26**, 53; Lc **2**, 13; Ap **5**, 11; constitúen ordes diversas: Tob **12**, 15; Is **6**, 2-6; Ez **1**, 21; **3**, 10; Dn **10**, 13; Zac **4**, 10; Col **1**, 16; 1Tes **4**, 16; 1Pe **3**, 12; o anxo da garda: Sal **91**, 11-13; Xdt **13**, 20; Tob **8**, 3; **12**, 12; Mt **18**, 10;

Lc **13**, 49; Heb **1**, 14; o pecado dos anxos: Xén **2-3**; Dt **32**, 17; Is **14**, 12-15; Ez **28**, 12-16; Xn **13**, 44; 2Pe **2**, 4; Xds 6; Ap **12**, 7ss.

**Año**: Animal dos sacrificios: Éx **29**, 32; Lev **8**, 31; **9**, 2; Núm **15**, 6. 11; Ez **46**, 4-7. 11; nos sacrificios de renovación de alianza: Xén **15**, 9; **22**, 13; Éx **29**, 1. 22. 26. 27. 31; Lev **8**, 22. 28; tipifica o servo de Deus sufrinte: Is **53**, 7; Xer **11**, 19; e o sacrificio de Xesús: Mt **26**, 63; Xn **1**, 29. 36; **19**, 36; Feit **8**, 31. 35; Heb **9**, 14; 1Xn **3**, 5.

**Año Pascual**: Éx **12**, 5; Xesús foi o verdadeiro año pascual: Xn **8**, 46; 1Pe **1**, 19; **2**, 9; ségueo sendo na súa realidade celeste: Ap **5**, 6. 8. 12. 13; **6**, 1. 16; **7**, 9. 10. 14. 17; **12**, 11; **13**, 8. 11; **14**, 1. 4. 10; **15**, 3; **17**, 4; **19**, 7. 9; **21**, 9. 14. 22. 23. 27; **22**, 1. 3.

**Aparicións do resucitado**: Mt **28**, 1-20; Mc **16**, 1-20; Lc **24**, 1-49; Xn **20**, 11-**21**,14; Feit **1**, 3ss; 1Cor **15**, 3-8.

**Apolo**: Feit **18**, 24; 1Cor **1**, 12; **3**, 6. 22; **4**, 6; **16**, 12; Tit **3**, 13.

**Apostasía**: Feit **21**, 21; 2Tes **2**, 3; Heb **10**, 26.

**Apóstolo.** Elixido por Cristo: Mc **3**, 14; Lc **6**, 13; nomes: Mt **10**, 2-4; Mc **3**, 16-19; Lc **6**, 14-16; Feit **1**, 13; a súa misión é predicar: Mt **10**, 1-15; **28**, 19; Mc **16**, 15; Lc **24**, 46; Xn **15**, 16. 27; **20**, 21; Feit **1**, 8; **10**, 42; persecucións e traballos: Mt **10**, 16-23; 1Cor **15**, 30-32; fortalecidos polo Espírito Santo: Feit **2**, 14; **3**, 12; **4**, 19-29; **5**, 19; 1Cor **3**, 4-**4**, 5; 2Cor **10**, 4-6; Gál **6**, 12; Paulo tamén é apóstolo: Feit **14**, 4. 13; 1Cor **10**, 4-6; 2Cor **8**, 23; Flp **2**, 25; título de Cristo: Heb **3**, 1.

**Arrepentimento**: Expresado no buscar a Iavé: Os **10**, 12; Am **5**, 4; buscar a súa face: Sal **24**, 6; **27**, 8; Os **5**, 15; humillarse diante del: 1Re **21**, 29; 2Re **22**, 14; liturxia penitencial: Xuí **2**, 4; 2Sam **12**, 13-23; 1Re **21**, 8ss. 31; Sal **60**; **74**; **79**; **83**; **95**; **106**; súplicas de individuos piadosos: Sal **3**; **5**; **6**; **7**; **13**; **17**; **22**; **25**; **26**; **27**; **28**; **31**; **35**; **38**; **39**; **42**; **43**; **51**; **54**; **55**; **56**; **57**; **59**; **61**; **63**; **64**; **69**; **70**; **71**; **86**; **88**; **102**; **109**; **120**; **130**; **140**; **141**; **142**; **143**; X1 **1**, 13ss; **2**, 17ss; oracións da comunidade arrepentida: Sal **44**; **58**; **74**; **79**; **80**; **83**; **106**; **125**; tarefa principal dos profetas: Is **1**, 16ss; Xer **3**, 21-25; **4**, 1-4; **18**, 11ss; **31**, 18ss. 33; **36**, 3; Ez **3**, 16-21; **18**, 31ss; **22**, 1-31; **33**, 10-20; **36**, 26-31; Os **14**, 2-9; Am **5**, 4. 6. 14; Miq **6**, 8; Sof **2**, 3; **3**, 12ss; tema da predicación de Xesús: Mt **3**, 2; **4**, 17; Mc **1**, 15; Lc **5**, 32; **10**, 13; **11**, 32; **13**, 3. 5; **15**, 7. 10; de Xoán o Bautista: Mt **3**, 8. 11; Mc **1**, 4; Lc **3**, 3 .8; Feit **13**, 24; **19**, 4; dos discípulos: Mc **6**, 12; Lc **17**, 3. 4; Feit **2**, 38; **3**, 19; **8**, 22; **17**, 30; **20**, 21; **26**, 20; motivo de alegría escatolóxica: Lc **15**, 7. 11; **16**, 30; actitude básica dos discípulos: 2Cor **7**, 9. 10; **12**, 21; 2Pe **3**, 9; Ap **2**, 5. 16. 21. 22; **3**, 3. 19; **9**, 20. 21; **16**, 9. 11; por Xesús resucitado chéganos o arrepentimento e mais o perdón: Lc **24**, 47; Feit **5**, 31; **11**, 18.

**Avaricia**: Non aproveita: Ecl **2**, 16; Eclo **14**, 3; Mc **8**, 36; Lc **12**, 15; causa de males: Pr **1**, 19; Ecl **10**, 9; 1Tim **6**, 9-10; un xeito de idolatría: Sal **119**, 36; Mt **6**, 19; Lc **12**, 15; 1Cor **6**, 10; Tit **1**, 7-11; Heb **13**, 5; tentadora para os xuíces: Éx **18**, 21; **23**, 8; Dt **16**, 19; **27**, 25; Sal **26**, 10; Pr **15**, 27; **17**, 23; **28**, 16; Is **5**, 23; **33**, 15; Ez **22**, 12-13; Miq **3**, 11; tema de denuncia profética: Is **5**, 8; **56**, 11; **57**, 17; Xer **6**, 13; **8**, 10; **22**, 17; Ez **33**, 31; Hab **2**, 9; trae a ruína: Xos **7**, 21; 1Sam **8**, 3; 2Re **5**, 26-27; 2Mac **10**, 20; Mt **26**, 15; Xn **12**, 6; Feit **5**, 2; **24**, 26.

**Baixada aos infernos**: Mt **27**, 53; 1Pe **3**, 19.

**Bautismo**: Signo de morte: Mc **10**, 38. 39; Lc **12**, 50; de Xoán, signo de arrepentimento para obter o perdón dos pecados: Mt **3**, 11; Mc **1**, 4; Lc **3**, 3; de Xesús bautizado, consagrado polo Espírito e aprobado polo Pai: Mt **3**, 13-17; Mc **1**, 9-11; Lc **3**, 21. 22; Xn **1**, 29-34; de Xesús no Espírito: Mt **3**, 11; Xn **3**, 22. 26. 33; **4**, 1-2; Feit **1**, 5. 8; **2**, 3-4; **8**, 14-16; **11**, 16; **19**, 2-6; 1Cor **12**, 13; 2Cor **1**, 22; Ef **1**, 13; **4**, 30; co arrepentimento dos pecados, baño purificador: Mt **28**, 19; Feit **2**, 38; **8**, 36; **22**, 16; Ef **5**, 2; Heb **10**, 22; sinal de morte e vida: Rm **6**, 2-4. 10. 11; **7**, 1-6; 1Cor **10**, 2; Col **2**, 11. 20; sinal de incorporación a Cristo e á comunidade cristiá: Rm **6**, 5; 1Cor **12**, 13; Gál **3**, 28; Ef **1**, 22-23; Col **1**, 18; Heb **6**, 4; 1Pe **3**, 21.

**Bendición**: De Deus aos homes e animais: Xén **1**, 22. 28; **5**, 2; de Abraham e dos seus fillos: Xén **27**, 4. 27. 35; **48**, 15; 1Mac **2**, 69; Eclo **3**, 11; dos sacerdotes hebreos ao pobo: Lev **9**, 22; Núm **6**, 23-27; Dt **10**, 8; 1Sam **2**, 20; sentido de loanza: Mt **21**, 9; **23**, 39; Mc **11**, 9. 10; Lc **1**, 64; **2**, 28. 34; **13**, 35; **19**, 38; **24**, 53; Xn **12**, 13; Rm **12**, 14; 1Cor **4**, 12; **14**, 16; St **3**, 9. 10; 1Pe **3**, 9; sentido litúrxico e especialmente eucarístico: Mt **14**, 19; **26**, 26; Mc **6**, 41; **8**, 7; **14**, 22. 61; Lc **1**, 68; **9**, 16; **24**, 30; Rm **1**, 25; **9**, 5; **12**, 14; **15**, 29; **16**, 18; 1Cor **10**,16; 2Cor **1**, 13; **11**, 31; Ef **1**, 3; **7**, 1. 6. 7; Heb **6**, 14; **11**, 20. 21; 1Pe **1**, 3; Ap **5**, 12. 13; **7**, 2; sentido de doazón, don gratuíto e xeneroso: Lc **1**, 28. 42; **6**, 28; **24**, 50; Rm **15**, 29; 2Cor **9**, 5. 6; Heb **6**, 7; **12**, 17; don salvífico en Cristo: Feit **3**, 25. 26; Gál **3**, 9. 14; Ef **1**, 3; 1Pe **3**, 9.

**Bico**: Xén **29**, 13; **45**, 15; **48**, 10; Éx **4**, 27; 1Sam **20**, 41; Tob **9**, 8; **11**, 11; Est **15**, 15; sinal litúrxico de caridade fraterna: Lc **15**, 20; Feit **20**, 27; Rm **16**, 15; 1Cor **16**, 20; 2Cor **13**, 12; 1Tes **5**, 26; 1Pe **5**, 14; dado aos ídolos, era sinal de veneración: 1Re **18**, 8; Xob **31**, 27.

**Cabeza**: Cranio de homes ou animais: Xén **3**, 15; **28**, 18; unha persoa ou individuo: Xuí **5**, 30; o máis principal das cousas ou sentimentos: Ct **4**, 14; o príncipe ou xefe dunha comunidade ou a capital dun estado: 1Sam **15**, 17; Is **7**, 8ss; principio físico ou temporal de algo: Xén **2**, 10; Éx **12**, 2; Xer **31**, 7; nunca é sede das funcións intelectivas, senón das reitoras, unificadoras e vivificadoras. Por iso, en sentido teolóxico, o Xesús pascual é cabeza de ángulo (clave do arco): Mt **21**, 42; Mc **12**, 10; Lc **20**, 17; Feit **4**, 11; 1Pe **2**, 7; cf Sal **118**, 22-23; Cristo, cabeza do home: 1Cor **11**, 3-10; Cristo, cabeza da Igrexa: Ef **1**, 10. 22; **4**, 15; **5**, 23; Col **1**, 18; **2**, 10.

**Cáliz**: Da ira, da dor, do castigo (onde se alude a un cocido de herbas, analxésico para o axustizado): Sal **11**, 6; **23**, 5; **75**, 9; Is **51**, 17; Xer **16**, 7; **25**, 15; **51**, 7; Mt **20**, 22-23; **26**, 39; Mc **10**, 38-39; **14**, 36; Lc **22**, 42; Xn **18**, 11; empregados para as libacións e para o ritual do sangue: Éx **25**, 29; **38**, 3; 1Re **7**, 50; Xer **52**, 19; Ap **5**, 8; por isto o N. T. constrúe a imaxe antropolóxica da copa limpa por dentro: Mt **23**, 25-26; Lc **11**, 39; e as referencias ao cáliz eucarístico: Mt **26**, 27; Mc **14**, 23; Lc **22**, 20; 1Cor **10**, 16. 21; **11**, 25-28; copa para a adiviñación: Xén **44**, 25.

**Camiño**: Xeito de comportarse: Xén **6**, 12; Xuí **2**, 19; 1Re **13**, 33; **15**, 26. 34; Xob **21**, 31; **23**, 10; Sal **10**, 5; Xer **32**, 19; Ez **7**, 3; **24**, 14; Os **12**, 3; Zac **1**, 6; Mt **21**, 8; Rm **3**, 16-17; St **1**, 8. 15; **5**, 20; Xds 11; xeito de comportarse de Deus: Dt **32**, 4; Xob **26**, 14; **40**, 19; Pr **8**, 22; Ez **18**, 25. 29; Os **14**, 10; xeito de comportarse do home, requirido por Deus: Xén **18**, 19; Dt **8**, 6; **9**, 16; **10**, 12; Xos **22**, 5; Xuí **2**, 22; 2Re **21**, 22; Xob **24**, 13; **34**, 27; Sal **18**, 22; **25**, 4; **119**, 3; Xer **5**, 4; Lam **2**, 3; o dobre camiño: o xusto, recto, e da vida: Sal **101**, 2. 6; **119**, 1; 1Sam**12**, 23; 1Re **8**, 36; Pr **2**, 19; **5**, 6; **6**, 23; **15**, 24; Lc **1**, 79; **16**, 17; Feit **2**, 28; 2Pe **2**, 2; e o da morte, das tebras: Sal **1**, 1. 6; **101**, 2; **139**, 24; Pr **12**, 15; **21**, 8; **28**, 6. 18; Eclo **2**, 12; entre estes camiños a persoa é libre para elixir: Dt **30**, 15-22; Eclo **15**, 12; forma de comportamento cristián: Feit **9**, 2; **14**, 16; **19**, 9. 23; **22**, 4; **24**, 14. 22; 1Cor **4**, 17; **12**, 31; a Lei é o camiño de Deus para o hebreo: Xén **18**, 19; Éx **18**, 20; **32**, 8; Dt **8**, 6; **10**, 12; Xos **22**, 5; 2Re **21**, 22; Xob **23**, 11; **24**, 13; **31**, 7; **34**, 27; Sal **119**, 1. 3; **128**, 1; Is **40**, 3; **49**, 11; Bar **3**, 37; **4**, 1; o verdadeiro camiño é Xesús: Xn **14**, 4-6; Heb **10**, 20; o camiño do Mesías: Mt **1**, 2; Lc **7**, 27; cf Mal **3**, 1-5; o camiño do Señor: Mt **3**, 3; Mc **1**, 3; Lc **3**, 4-5; Xn **1**, 23; cf Is **40**, 3; Mt **22**, 16; Mc **12**, 14; Lc **20**, 21; **1**, 76; Feit **13**, 10; **18**, 25. 26; Rm **11**, 33; Heb **3**, 10; Ap **15**, 3.

**Carisma**: Don divino dado á persoa en ben das demais: Feit **2**, 4-13; **10**, 40-46; Rm **12**, 6-8; 1Cor **12**, 1-4; Gál **3**, 5; Ef **4**, 11-12; don divino dado ás persoas: Rm **1**, 11; **6**, 23; **11**, 29; 1Cor **9**, 7; 2Cor **1**, 11; 1Tim **4**, 14; 2Tim **1**, 6; foron preditos polo profeta Xoel: **2**, 28-29; e prometidos por Cristo: Mc **16**, 17-18; Xn **14**, 21.

**Carne**: Materia dotada de vida animal: Xén **6**, 12. 17; Lev **14**, 9; Núm **8**, 7; Sal **136**, 25; Eclo **40**, 8; Mt **19**, 5; Mc **10**, 8; Xn **1**, 14; **6**, 51; carne morta (sacrificios): Xén **9**, 4; Éx **22**, 30; **29**, 14; Lev **4**, 11; Xer **11**, 5; Ez **40**, 43; Ax **2**, 12; parte integrante e diferenciada do corpo humano: Xén **2**, 23; Xob **2**, 5; **10**, 11; Eclo **14**, 18; Ez **37**, 6; Miq **3**, 3; Zac **14**, 12; eufemismo dos órganos sexuais do home ou da muller: Xén **17**, 11. 13ss. 23-25; Éx **28**, 42; Lev **15**, 2s. 7. 19; Ez **16**, 26; **23**, 20; condición terrea, caduca e limitada do ser humano: Xén **3**, 19; Ecl **12**, 7; Is **40**, 6; Feit **2**, 17; Rm **3**, 20; 1Cor **1**, 29; 2Cor **12**, 7; Gál **2**, 16; **4**, 13; Heb **5**, 7; 1Pe **1**, 14; vivir na carne (= vivir neste mundo): 2Cor **10**, 3; Gál **2**, 20; Flp **1**, 22; St **4**, 1ss; o parentesco fúndase na carne: Xén **2**, 23. 24; **37**, 27; Lev **18**, 6; Is **58**, 7; Rm **1**, 3; **4**, 1; **9**, 3; **11**, 14; a carne expresión da debilidade moral do ser humano: a raíz do pecado: Xén **6**, 3; Xob **10**, 4; **34**, 15; Sal **78**, 39; Is **10**, 18; **31**, 3; Xer **17**, 5; Ez **44**, 7; Rm **7**, 18. 25; **13**, 14; 1Cor **3**, 3; 2Cor **1**, 17; **10**, 2-3; Gál **5**, 13. 16. 19. 21; Ef **2**, 3; Col **2**, 18. 23.

**Castidade**: Normas legais da sexualidade no A. T.: Lev **18**, 6-23; **20**, 10-21; Dt **27**, 20-24; sancións: Éx **22**, 15-16; Dt **22**, 22-29; o home, dono de si mesmo: Feit **24**, 25; 1Cor **7**, 9; **9**, 25; Gál **5**, 23; Tit **1**, 8; 2Pe **1**, 6; a castidade do célibe, preferible ao matrimonio: Mt **19**, 10-12; 1Cor **7**, 7. 32-40; Ap **14**, 4; a castidade do matrimonio: 1Cor **7**, 5; 1Tim **3**, 2; no trato cos demais: Mt **5**, 28; 1Cor **6**, 15-19; 1Tim **4**, 12; **5**, 2; Tit **2**, 5; é froito do Espírito Santo: Mt **19**, 11; Gál **5**, 22.

**Cea Pascual-Eucaristía**: Datos da Cea Pascual: Éx **22**, 11. 21. 27. 43. 48; **34**, 25; Lev **23**, 5; Núm **9**, 2. 14; **23**, 3; **28**, 16; Dt **16**, 1. 2. 5-6; Xos **5**, 10. 11; 2Re **23**, 21. 23; 2Cro **30**, 1. 2. 5. 15. 17-18; **35**, 1. 6. 9. 11. 13. 16-19; Ez **45**, 21; nos tempos do N. T. a cea era a comida principal: Mt **23**, 6; Mc **6**, 21; Lc **14**, 12; Xn **12**, 2; Cea Pascual: Mt **26**, 17; Mc **14**, 12; Lc **22**, 7; Xn **13**, 2; 1Cor **11**, 23; a Cea do Señor: 1Cor **11**, 20-21; imaxe do Reino mesiánico e da gloria celeste: Lc **12**, 37; **14**, 16; Ap **19**, 9. 17.

**Cego**: Sacerdotes cegos e vítimas cegas han de apartarse do templo: Lev **21**, 18; **22**, 22; Dt **15**, 21; 1Sam**5**, 6. 8; Mal **1**, 8; frecuente por causa físicas: Xén **27**, 1; **48**, 10; Eclo **12**, 3; **43**,

4; castigo-maldición de Deus: Xén **19**, 11; Éx **4**, 11; Dt **28**, 28-29; Tob **2**, 11. 13; Feit **9**, 9; **13**, 11; anuncios de salvación expresados coa imaxe da curación de cegos: Sal **146**, 8; Is **29**, 18; **35**, 5; **42**, 7. 16; Xer **31**, 7-8; cf Éx **4**, 11; Xob **29**, 15; os dereitos do cego: Lev **19**, 14; Dt **27**, 18; Xos **29**, 15; cegos de mente: Éx **23**, 17; Mc **3**, 5; Xn **9**, 41; Rm **11**, 25; curacións de cegos feitas por Xesús: Mt **9**, 29; **20**, 34; Mc **8**, 23; Xn **9**, 6-7.

**Ceo**: Ceo e terra (para indicar a totalidade da creación): Xén **1**, 1. 18; **7**, 11; Éx **24**, 10; Xos **26**, 11; **38**, 22; 2Re **7**, 2; Sal **33**, 5-7; Is **40**, 26; Mal **3**, 10; Mt **5**, 18; Lc **6**, 17; Feit **4**, 24; o firmamento: Xén **15**, 5; Mt **6**, 26; Mc **13**, 2; Lc **9**, 45; Xn **1**, 32; morada dos anxos e de Deus: Dt **10**, 14; 1Re **8**, 27; **22**, 19; 2Cro **2**, 5; **6**, 18; Neh **9**, 46; Tob **12**, 15; Est **1**, 14; Sal **82**, 1; **115**, 16; Is **66**, 1; Mt **3**, 2; **5**, 16. 34. 45; **6**, 9; Mc **12**, 25; Feit **7**, 49; 2Cor **12**, 2-4; o Deus do ceo: 2Cro **36**, 23; Esd **1**, 2; **5**, 11-12; **6**, 9-10; **7**, 12. 21; Sal **136**, 26; Ap **11**, 13; **16**, 11; o ceo, en vez de Deus: 1Mac **3**, 18; Sal **73**, 9; Dn **4**, 23; Mt **21**, 25; Lc **15**, 18. 21; morada de Cristo e dos benaventurados: Xob **19**, 27; Sal **16**, 7-11; **17**, 15; **49**, 16; **73**, 23-28; Sab **3**, 1-4; Mt **3**, 15; **5**, 12; **19**, 28; Mc **1**, 10; **16**, 19; Lc **3**, 21; **6**, 23; Xn **1**, 51; **6**, 33-58; **14**, 2-3; **17**, 24; 2Cor **5**, 1; 1Tes **4**, 17; **5**, 10; Flp **3**, 20; 1Pe **3**, 22; Ap **3**, 12; **7**, 15-17; **21**, 2. 10.

**Circuncisión**: Sinal da alianza con Deus: Xén **17**, 1; **34**, 13-17; Éx **13**, 47-48; Dt **10**, 16; **30**, 6; Xer **4**, 4; Lc **1**, 59; **2**, 21; Xn **7**, 23; Rm **4**, 11; Gál **5**, 3; Flp **3**, 5; sinal da salvación escatolóxica pois a ela asistía misticamente Elías: 1Re **19**, 10; moi estimada polos xudeus: Lev **12**, 3; Feit **15**, 1; **16**, 3; Gál **6**, 12-13; no reino de Cristo non serve para nada: Feit **15**, 1. 5. 10. 19; Gál **2**, 2-3; **5**, 2. 6; **6**, 15; a circuncisión do corazón, espiritual: Lev **6**, 4; Dt **10**, 16; Xer **4**, 4; Feit **7**, 51; Rm **2**, 28ss; Col **2**, 11ss.

**Colecta**: Diñeiro xuntado na reunión cúltica: Feit **24**, 17; Rm **15**, 26; 1Cor **16**, 1-3; 2Cor **8**, 9; Gál **2**, 10.

**Conciencia**: O meu corazón non me reproba nada: Xos **27**, 6; Sal **7**, 9-10; **139**, 2; Sab **17**, 10; Eclo **7**, 22; Xer **11**, 20; **17**, 10; segundo o corazón e non a lei: Mt **6**, 4. 6. 18; **15**, 1-20; Lc **11**, 34ss; como norma próxima da moralidade persoal: Rm **13**, 5; **14**, 20; 1Cor **8**, 10; **10**, 25; 1Pe **2**, 19; aproba o bo e reproba o malo: Rm **2**, 15; 1Tim **1**, 19; Heb **10**, 22; **13**, 16; cómpre ter en conta a conciencia dos outros para non lles ser motivo de escándalo: Rm **14**, 1-23; 1Cor **8**, 7-12; **10**, 28-29.

**Concilio**: Dos Apóstolos en Xerusalén: Feit **15**, 6-29; Gál **2**, 1-10; o dos dirixentes políticos e relixiosos do pobo xudeu: Mt **5**, 12; **26**, 59, Mc **15**, 1; Lc **22**, 66; Feit **5**, 1; **23**, 1.

**Concordia entre irmáns**: Solidariedade nacional: Dt **1**, 16. 28; **15**, 3; **17**, 15; **19**, 18; **20**, 8; **21**, 1; Is **66**, 5. 20; Xer **34**, 9; **41**, 8; Ez **11**, 15; Os **2**, 3; solidariedade entre os dous reinos irmáns: 2Sam **2**, 26; 1Re **12**, 24; Xer **7**, 15; Miq **5**, 2; solidariedade con outras nacións: Núm **20**, 14; Dt **2**, 4-8; Am **1**, 9. 11; Abd **1**, 10-12; solidariedade cristiá: Rm **12**, 18; **15**, 5-6; 1Cor **1**, 10; Ef **4**, 3; Flp **2**, 2; 1Pe **3**, 8.

**Concupiscencia**: Desexo dunha cousa: Eclo **1**, 33; desexo con gana: Lc **22**, 15; obxecto desexado: Sal **21**, 3; **78**, 29; Pr **10**, 24; **11**, 23; desexo de algo malo: Núm **11**, 4; Sal **112**, 10; Pr **21**, 16; desexos contrarios á razón: Xén **3**, 7; Éx **20**, 17; Dt **5**, 21; **7**, 25; Pr **6**, 25; egoísmo dominante na persoa: Mc **4**, 19; Xn **2**, 16; Rm **7**, 7-9; Ef **2**, 3; St **1**, 14; 1Pe **2**, 14. 18; cómpre dominala: Mt **5**, 28; Rm **6**, 16; **13**, 14; Gál **5**, 24; Col **3**, 5; 1Tes **4**, 4-5; Tit **2**, 12; 1Pe **2**, 11; **4**, 2.

**Condenación**: Representada como día de Iavé: Xl **2**; Am **5**; Sof **1**; castigo de todos os inxustos: Is **2**, 12; Os **5**, 8; Am **5**, 18; condenación persoal: Dn **12**, 2; no xuízo final: Mt **25**; segundo as obras de cadaquén: Ap **20**, 12; expresada coa imaxe do lume: Mt **3**, 12; **7**, 19; **13**, 42-50; Mc **9**, 4; Lc **3**, 9; Heb **10**, 27; co lume do inferno: Mt **5**, 22; Mc **9**, 44. 46; 1Tes **1**, 8; dos tormentos: 2Pe **2**, 4; das cadeas eternas: Xds 6; da lagoa de lume: Ap **19**, 20; **20**, 9-10; **21**, 8; a actitude fronte a Cristo decide xa a condenación: Xn **3**, 36.

**Confesión**: Do nome de Deus: Éx **15**, 11; Dt **6**, 4-9. 19; Sal **18**, 32; en asemblea litúrxica e acompañada de música: 1Cro **16**, 8. 41; **23**, 30; **25**, 30; 2Cro **5**, 12; **20**, 21; **31**, 2; Sal **33**, 2; **35**, 18; **43**, 4; **100**, 4; **147**, 7; recoñecemento da bondade de Deus no seu actuar na creación e mais na historia: 2Cro **5**, 13; **7**, 3; Sal **106**, 1; **107**, 1; **118**, 1. 29; confesión de fe en Cristo e no seu obrar: Mt **10**, 32; Xn **9**, 22; **12**, 42; Feit **24**, 14; Rm **10**, 9-10; 1Xn **2**, 23; **4**, 12. 15; confesión dos pecados: Lev **26**, 40; **5**, 21; 2Sam **12**, 13; Neh **9**, 4; Sal **106**; Pr **28**, 13; Mt **3**, 6; **18**, 15-18; Mc **1**, 5; Lc **5**, 8; **15**, 21; **19**, 8; Xn **8**, 9-11; St **5**, 16; o sacramento da penitencia: Mt **16**, 19; **18**, 18; Xn **20**, 21-23.

**Coñecer a Deus**: No A. T.: Coñecemento práctico, polas boas obras: Is **11**, 9; Xer **22**, 15; **24**, 7; **31**, 3; Os **5**, 8-**6**, 6; Hab **2**, 14; interese por Deus, que leva á conservación, á súa busca, a obrar segundo a xustiza e a misericordia: Sal **9**, 11; Is **58**, 2; Xer **9**, 23; **22**, 16; **24**, 7; Os **2**, 22; **6**, 1. 3. 6; **10**,

12; Miq **6**, 5; a falta do seu coñecemento é idolatría e apostasía: 1Sam**2**, 12. 30; Is **1**, 2. 4; Xer **2**, 8; **4**, 22; **8**, 5. 6; Os **2**, 7; **4**, 6. 10; **5**, 4. 7; **11**, 25; coñecemento predito dunha acción divina que revela o nome de Iavé: Éx **10**, 2; Ez **6**, 7. 14; **12**, 20; **15**, 7. 11. 17; **26**, 6; **28**, 22; Deus revélase na tradición profética e na histórica: Éx **31**, 13; Xos **29**; 2Cro **13**, 5; Ez **17**, 21; **20**, 12. 20. 38; **33**, 33; Zac **2**, 13. 15; **4**, 9; **6**, 15; **11**, 11. No N. T.: Coñecer a Deus é coñecer a obra salvadora de Xesús: Lc **10**, 11; Feit **2**, 36; Rm **2**, 20; 1Cor **1**, 5; **2**, 8; 2Cor **2**, 14; **4**, 6; Ef **1**, 17; Flp **3**, 10; Heb **8**, 11; Ap **2**, 23; coñecemento que o Fillo ten do Pai, e viceversa: Mt **11**, 25-27; Lc **10**, 12ss; Xn **10**, 14-15; coñecemento recibido pola revelación, pola fe o polo Espírito Santo: Xn **1**, 18; **6**, 46. 49; **7**, 29; **8**, 55; **10**, 38; **14**, 1. 6. 9; **16**, 30; **17**, 7. 21. 22. 25; 1Cor **2**, 10-16; 1Xn **4**, 16; coñecer a Deus = fe = vida eterna: Xn **1**, 12; **3**, 15. 16. 36; **5**, 21; **6**, 35. 37. 40. 45. 47. 51; **11**, 25; **14**, 16; **17**, 3; Gál **3**, 26; Flp **1**, 9-11; Flm **6**; 1Xn **2**, 23; **3**, 1; é un don gratuíto de Deus: Xn **6**, 36-37; **8**, 43-47; Gál **4**, 9; 1Cor **8**, 3; **13**, 12; 1Xn **2**, 29; **3**, 8. 10-12; **4**, 7; imperfección deste coñecemento: 1Cor **13**, 9-10. 12; 1Xn **2**, 2; coñecemento, fe e bautismo: Rm **12**, 2; Flp **3**, 8.

**Consagración ("santificación")**: No A. T.: Deus consagra o santuario coa súa presenza: Éx **29**, 43; móstrase santo corrixindo: Lev **10**, 3; Núm **20**, 13; Is **5**, 16; Ez **20**, 41; **28**, 22. 25; **36**, 23; **38**, 16; **39**, 27; ritos de consagración: Éx **19**, 22; **29**, 21; Núm **11**, 18; Xos **3**, 5; **7**, 13; 1Sam**16**, 15; consagración de persoas: Éx **29**, 21; 1Sam**21**, 6; dos israelitas: Éx **31**, 13; Lev **20**, 8; **21**, 8; **22**, 32; Ez **20**, 12; dos primoxénitos: Núm **3**, 13; dos sacerdotes: Éx **29**, 44; Lev **21**, 8. 15; 1Cro **23**, 13; Ez **48**, 11; de cousas: Núm **17**, 2 ss; Dt **22**, 9; dun lugar: Éx **19**, 23; dun día do ano: Éx **20**, 8; Lev **25**, 10; 2Cro **26**, 18; Xer **17**, 22; Ez **20**, 20; do tempo de xaxún: Xl **1**, 14; **2**, 15; da guerra santa: Xer **6**, 4; Xl **4**, 9; Miq **3**, 5.
No N. T.: Do home a Deus: 1Cor **3**, 17; 1Tim **4**, 14; Heb **11**, 26; St **1**, 5; Ap **1**, 14.

**Copa**: Ver Cáliz.

**Corenta**: Número con valor simbólico de plenitude: Xén **8**, 6; Éx **24**, 18; Mt **4**, 2; Mc **1**, 13; Lc **4**, 2; Feit **1**, 13; **4**, 22; **7**, 30. 36. 42; **13**, 21; **23**, 13. 21; Heb **3**, 9. 17.

**Corpo**: Como tendencia ao pecado e ao egoísmo: Rm **6**, 6. 12; **7**, 23. 24; **8**, 10-13; 1Cor **9**, 27; Gál **5**, 17; o Corpo de Xesús resucitado: Xn **20**, 17-27; 1Cor **15**, 35-44; o corpo místico de Cristo: Rm **12**, 5; 1Cor **10**, 16-17; **12**, 13; Ef **1**, 23; **2**, 16; **4**, 4. 12. 16; **5**, 23. 30; Col **1**, 18. 24; **2**, 19; **3**, 15.

**Corrección fraterna**: Sal **141**, 5; Pr **9**, 7-9; **17**, 10; **27**, 5; **28**, 23; Ecl **7**, 6; Eclo **19**, 15; **21**, 7; Mt **7**, 3; **18**, 15; Gál **2**, 11; 1Tim **5**, 20; Heb **3**, 13; St **5**, 19-20.

**Creación**: Do mundo, obra de Deus: Xén **1**, 1ss; 2Mac **7**, 28; Sal **148**, 5; Sab **1**, 14; Eclo **18**, 1; Mc **13**, 19; Xn **1**, 3; Col **1**, 16; Heb **11**, 3; Ap **4**, 11; **10**, 6; a nova creación por Cristo: 2Cor **5**, 17; Gál **6**, 15; Ef **4**, 24.

**Cristiáns**: Cren e invocan o nome de Xesús: Xn **1**, 12; **2**, 23; **3**, 18; Feit **3**, 16; 1Cor **1**, 2; 1Xn **3**, 23; **5**, 13; bautízanse: Feit **2**, 38; **8**, 12. 16; **10**, 48; **19**, 5; **22**, 16; 1Cor **6**, 11; reciben o mandado apostólico: Rm **1**, 5; predican a conversión: Lc **24**, 47; rezan: Mt **18**, 20; Xn **14**, 13ss; **15**, 16; **16**, 23ss. 26; Feit **9**, 14. 21; levan na fronte o nome do Año e do Pai: Ap **14**, 1; despréndense dos bens: Mt **19**, 29; reciben o perdón dos pecados: Feit **10**, 43; celebran a Eucaristía: Ef **5**, 20; están dispostos a morrer: Feit **21**, 13; deben acoller aos nenos: Mt **18**, 5; Mc **9**, 36; Lc **9**, 48; son obxecto de odio: Mt **10**, 22; **24**, 9; Mc **13**, 13; Lc **21**, 12. 17; Xn **15**, 21; Feit **5**, 41; **9**, 16.

**Cruz**: Instrumento na morte de Xesús: Mt **27**, 32-42; Mc **15**, 21. 32; Lc **23**, 26; Xn **19**, 17-31; Col **1**, 20; **2**, 14; Flp **2**, 8; de Cristo, escándalo para os xudeus, necidade para os xentís e forza de salvación para os cristiáns: Gál **5**, 11; **6**, 12. 14; Flp **3**, 18; Heb **12**, 2; a cruz e a tribulación son para os que viven piadosamente: Mt **5**, 10; **10**, 16. 38; **16**, 34; **24**, 9; Mc **13**, 9; Lc **14**, 27; Xn **12**, 25; **15**, 20; **16**, 12. 33; Feit **14**, 21; Rm **8**, 16-18; 2Cor **1**, 4; **4**, 8-17; 1Tes **3**, 3; 2Tes **1**, 4; 2Tim **3**, 12; St **1**, 12; Ap **3**, 19.

**Culto**: Sinagogal, que ten a súa orixe no exilio, en Xerusalén, pero que o establece Esdras: Neh **8**, 1-12; Lc **4**, 15-21; Feit **13**, 14-15; **17**, 1-2; dos cristiáns: Xn **4**, 23-24; Feit **2**, 42; **20**, 7; 1Cor **11**, 20-24; **16**, 2; precisa obras exteriores: Is **1**, 14-20; Mt **15**, 8; e afecto interior a Deus: Dt **5**, 29; **6**, 5; **10**, 12; 1Sam**15**, 22; Sal **30**, 13; **50**, 7. 23; Xer **7**, 4. 21-23; Miq **6**, 7-8.

**Cumprimento**: A vida de Xesús é cumprimento do A. T.: Mt **1**, 12; **2**, 15. 17. 23; **4**, 14; **5**, 17; **8**, 17; **12**, 17; **13**, 35; **21**, 4; **26**, 54. 56; **27**, 9; Mc **1**, 15; **14**, 49; **15**, 28; Lc **4**, 21; **24**, 44; Xn **12**, 38; **13**, 18; **15**, 25; **17**, 12; **18**, 9. 32; **19**, 24. 36; Feit **1**, 16; **3**, 18; Gál **4**, 4; Ef **1**, 10; St **2**, 23; a vida cristiá, das aspiracións profundas do ser humano: Xn **3**, 29; **15**, 11; **16**, 24; **17**, 13; Feit **13**, 52; Rm **8**, 4; **11**, 12. 25; **13**, 8. 10; **15**, 13. 14; 2Cor **7**, 4; Ef **1**, 23; **3**, 19; **4**, 10. 13; **5**, 18; Flp **1**, 11; **2**, 2; 2Tes **1**, 11; 1Xn **1**, 4; 2Xn 12; Ap **3**, 2; plenitude salvífica que existe en Cristo e que é

comunicable ás persoas: Xn **11**, 16; Rm **15**, 29; Flp **4**, 19; Col **1**, 9-10.

**Demos**: Nome dos espíritos malignos, botados do ceo: Ap **12**, 7-12; hai xerarquías entre eles: Mt **12**, 24. 45; **25**, 41; Mc **5**, 9; Lc **11**, 15; 1Cor **15**, 24; Ef **6**, 12; Ap **12**, 7. 9; dáselles culto coa idolatría: Lev **17**, 7; Dt **32**, 17; 2Cro **11**, 15; Sal **96**, 5; **106**, 37; Is **24**, 21; Bar **4**, 7; 1Cor **10**, 20; o demo tentou a Adán e a Eva: Xén **3**, 1. 4. 13. 14; Ap **12**, 9. 14. 15; **20**, 2; tentaron a personaxes do A. T.: 1Re **22**, 19-22; 1Cro **21**, 1; 2Cro **18**, 18. 23; Xob **1**, 6. 9. 12; **2**, 1. 3. 4. 7; Xn **13**, 1-18; **16**, 13-14; **20**, 7-10; Inimigo eterno do Reino: Mt **26**, 18; 2Cor **6**, 14-15; **12**, 7-9; Ef **5**, 8; **6**, 11; Col **1**, 13; 1Tes **5**, 5; 1Pe **5**, 8-9; 1Xn **3**, 19; **5**, 18; tentou a Xesús: Mt **4**, 1-11; e entregouno á morte: Lc **23**, 3; Xn **13**, 2. 27; é vencido pola morte de Xesús: Lc **10**, 18; Xn **12**, 31; **14**, 30; **16**, 11; Heb **2**, 14-15; 2Pe **2**, 4; 1Xn **3**, 8; Xds 6; Ap **19**, 19-21; **20**, 1-10.

**Décimos**: Obrigación de consumir un décimo de todos os froitos: Dt **14**, 22-29; **26**, 12-15; Tob **1**, 6-8; Am **4**, 4; ou de entregalo para o sustento dos sacerdotes e levitas: Núm **18**, 21-32; 2Cro **31**, 5-19; Neh **10**, 37-38; **12**, 43; **13**, 5-14; esaxeracións no seu pago: Mt **23**, 23; Lc **11**, 42; **18**, 12.

**Día**: O do xuízo do Señor: 1 Sam **1**, 10; Sal **96**, 13; Is **2**, 12; **13**, 6; Am **5**, 18-20; Sof **1**, 14; Mal **4**, 1; Mt **10**, 15; **11**, 22. 24; **12**, 36; Xn **6**, 29. 40. 44. 54; **7**, 37; **11**, 24; **12**, 48; Feit **2**, 17; 2Tim **3**, 1; Heb **1**, 2 St **5**, 3; 2Pe **3**, 3. 7; 1Xn **4**, 17; día do Señor (o do xuízo): Feit **2**, 20 (cf Xn **3**, 4); 1Cor **1**, 8; **5**, 5; 2Cor **1**, 14; Flp **1**, 6. 10; **2**, 16; 1Tes **5**, 2; 2Tes **2**, 2; 2Pe **3**, 10. 12; Ap **16**, 14; co sentido cristián do domingo: Feit **20**, 7; 1Cor **16**, 2; Ap **1**, 10.

**Discípulos**: De Cristo: Mt **5**, 1; **8**, 21. 23; **9**, 10-14. 19; **10**, 1. 24. 25. 42; **12**, 1. 2. 49; **15**, 2. 12. 23. 32-36; **17**, 10-19; **26**, 1. 8. 17-20; Mc **6**, 1. 35. 41. 45; **7**, 2. 5. 17; **8**, 1. 4. 6. 10. 27. 33-34; Lc **9**, 14. 16. 18. 40. 43. 54; **10**, 22-23; **19**, 29. 37. 39; **20**, 45; **22**, 11. 39. 45; Xn **6**, 3. 8. 12. 16. 22. 24. 60. 61. 66; **13**, 5. 22. 23. 35; **16**, 17. 29; **18**, 1. 2. 15-17. 19. 25; **19**, 26-27. 38; Feit **6**, 1. 2. 7; **9**, 1. 10. 19. 25. 26. 38; **11**, 26. 29; **13**, 52; **14**, 20. 22. 28; **15**, 10; **16**, 1; **18**, 23. 27; **19**, 1. 9. 30; **20**, 1. 30; **21**, 4. 16; de Xoán o Bautista: Mt **9**, 14; **11**, 2; **14**, 12; Mc **1**, 18; **6**, 29; Lc **5**, 33; **7**, 18. 19; **11**, 1; Xn **1**, 35. 37; **3**, 25; de Moisés, título do fiel xudeu: Xn **9**, 28.

**Divorcio**: Permitido no A. T. pola dureza de corazón do pobo: Dt **24**, 1-4; Is **50**, 1; Xer **3**, 8; Mt **19**, 8; con documento de repudio dado polo esposo: Lev **20**, 10; Dt **22**, 22-24; Ez **16**, 38-43; **25**, 45; Xn **8**, 1-11; Xesús devolve ao matrimonio a unidade orixinal: Xén **2**, 19-24; Mt **5**, 31-32; **19**, 3-12; Mc **10**, 2-12; 1Cor **7**, 10-11.

**Durmir**: Sentido de neglixencia ou descoido: Rm 13, 1; sentido de morte: 2Sam **7**, 12; 1Re **2**, 10; Mt **9**, 24; Xn **11**, 11; 1Cor **7**, 39; 1Tes **5**, 6. 10.

**Educación**: Doutrina deducida da historia de Israel: Xén **18**, 19; Éx **12**, 26-27; Dt **4**, 9; **6**, 7; **11**, 19; **32**, 46; Sal **78**, 3-6; Is **38**, 19; obediencia e respecto dos fillos para os pais: Éx **20**, 12; **21**, 15. 17; Dt **4**, 9; **21**, 18-21; **27**, 16; Pr **1**, 8; **20**, 20; **23**, 22; Ef **6**, 1-4; Col **3**, 20-21; castigos físicos na educación: Pr **13**, 24; **22**, 15; **23**, 13; **29**, 15; Eclo **7**, 25-26; **26**, 13; **30**, 1-2.

**Elías**: Tradicións relativas ao profeta: 1Re **17**, 1-21; **21**, 17-29; 2Re **1**, 3; **2**,18; loanzas de Elías: Eclo **48**, 1-13; figura que na apocalíptica xudía aparece como preparador dos tempos últimos: asiste á transfiguración de Xesús: Mt **17**, 3-4; Mc **9**, 3-4; Lc **9**, 30-33; testemuña do Señor ao lado de Moisés: Ap **11**, 3-13; o seu espírito, no Bautista: Mt **11**, 14; **17**, 10-13; Mc **9**, 10-13; Lc **1**, 17.

**Eliseo**: 1Re **19**, 16-21; 2Re **2**, 1-**9**, 3; 2Re **13**, 14-21; Eclo **48**, 12-15; Lc **4**, 27.

**Escándalo**: Mt **13**, 41; **16**, 23; **18**, 7; Lc **7**, 2; Rm **14**, 13.

**Escribas:** Esd **7**, 6; Eclo **39**, 1; Mt **8**, 19; Mc **12**, 32; Mt **23**, 13ss; Mc **2**, 16; Mt **20**, 18; **27**, 41.

**Esperanza**: Non se ha pór nas persoas: Sal **44**, 7; **52**, 7-9; **62**, 11; Sab **3**, 11; **5**, 15; Is **20**, 5; **28**, 17; hase pór en Deus: 1Sam **22**, 31; Sal **3**, 7; **11** e outros moitos; Pr **6**, 20; Xesús, esperanza de Israel: Lc **24**, 21; Feit **26**, 6-7; **28**, 20; Heb **7**, 19; Xesús, esperanza das nacións: Mt **12**, 21 (cf Is **42**, 4); Ef **2**, 12; don de Deus: 2Tes **2**, 16; actitude esencial da vida cristiá: Feit **24**, 15; Rm **5**, 2. 4. 5; **12**, 12; **15**, 4; 1Cor **9**, 10; **13**, 7. 13; Ef **4**, 4; Col **1**, 5. 23. 27; 1Tes **1**, 3; **4**, 13; 1Tim **1**, 1; **4**, 10; **5**, 5; **6**, 17; Heb **3**, 6; **6**, 18; **10**, 23; 1Pe **3**, 5; na resurrección e no poder vivificador de Deus ou de Cristo resucitado: Feit **23**, 6; Rm **4**, 18; **8**, 20-25; **15**, 13; 1Cor **15**, 19; 2Cor **1**, 10; **3**, 12; Gál **5**, 5; Ef **1**, 18; Tit **1**, 12; 1Pe **1**, 3. 21; na recompensa escatolóxica: 1Tes **2**, 19; **5**, 8; Tit **2**, 13; **3**, 7; Heb **6**, 11; **11**, 1; 1Pe **1**, 13; 1Xn **3**, 3; no progreso da Igrexa: 2Cor **10**, 15; Flp **1**, 20.

**Espírito**: O inspirador dos profetas e do futuro pobo mesiánico: Xuí, **6**, 34; **14**, 6; 1Sam **11**,16; 2Re **2**, 9. 15; 2Cro **24**, 20; Is **11**, 2-3; **42**, 1; **61**, 1; Ez **11**, 19; **39**, 29; Xl **2**, 28; inflúe na creación e no creado: Xén **1**, 2; Xob **26**, 13; **33**, 4; Sab **12**, 1; Ez **3**, 12. 14; **8**, 3; **11**, 24.

**Espírito de Deus**: Espírito do Señor: Mt **3**, 16; **12**, 18 (Is **41**, 1); **28**; Lc **4**, 18; o Espírito de Deus e a Igrexa: Feit, **5**, 9; **8**, 39; Rm **15**, 19; o Espírito de Deus e o cristián: Rm **8**, 9. 14; 1Cor **2**, 11-14; **3**, 16; **6**, 11; **7**, 40; **12**, 3; 2Cor **3**, 3. 17-18; Ef **4**, 30; Flp **3**, 3; 1Tes **4**, 8; 1Pe **4**, 14; 1Xn **4**, 2.

**Espírito de Xesús**: Verbo dos predicadores da palabra: Feit **16**; Flp **1**, 19; 2Pe **1**, 11; o Espírito de Xesús e o cristián: Rm **8**, 9.

**Espírito impuro**: Malo: Ap **16**, 13. 14; **18**, 2; poder de Xesús contra eles: Mt **8**, 16; **10**, 1; Mc **1**, 23-27; **5**, 1-20; **6**, 7; **7**, 25-30; **9**, 17-25; Lc **4**, 33-36; **6**, 18; **7**, 21; **8**, 2. 29; **9**, 39; **13**, 11; Feit **5**, 16; **8**, 7; **16**, 16; Ef **2**, 2; 1Tim **4**, 1; descobren a Xesús como Fillo de Deus: Mc **3**, 11; **5**, 1-20; Lc **4**, 33; acusan a Xesús de relación con eles: Mc **3**, 30; Lc **11**, 14-26; poder da Igrexa sobre estes espíritos: Lc **10**, 20; Feit **5**, 16; **8**, 7; **16**, 16. 18; **19**, 12-16; o espírito do mundo, do erro: 1Cor **2**, 12; 1Xn **4**, 6.

**Espírito como categoría antropolóxica**: Espírito como apertura do home á acción de Deus: Xn **4**, 23; **11**, 33; Rm **11**, 8; **12**, 11; 1Cor **14**, 2. 12-16; Gál **3**, 3; **4**, 29; **6**, 18; **13**, 21; 1Tes **5**, 23; 2Tes **2**, 2; 2Tim **4**, 22; Flp **1**, 19; Xds 19; Ap **1**, 10; **4**, 2; **17**, 3; **21**, 10; o espírito como categoría antropolóxica e moral: Mt **26**, 41; Mc **14**, 38; Xn **4**, 23-24; Feit **6**, 3. 10; **17**, 16; Rm **1**, 9; **8**, 4-9. 13; 1Cor **5**, 5; Gál **5**, 17-22; **6**, 8; Ef **4**, 23; Flp **1**, 27; Heb **12**, 9. 23; 1Pe **3**, 4; o espírito como realidade ontolóxica diferente da carne e do corpo: Mt **5**, 3; **27**, 50; Mc **2**, 8; Lc **1**, 47. 80; **23**, 46; **24**, 37. 39; Xn **3**, 6; **4**, 24; **6**, 63; **19**, 30; Feit **7**, 59; **18**, 25; **19**, 21; **23**, 8. 9; 1Cor **5**, 3-4; **6**, 17; **7**, 34; 2Cor **3**, 17; **7**, 13; Col **2**, 5; Heb **4**, 12; St **2**, 26; **4**, 5; 1Pe **3**, 19; Ap **11**, 11; **13**, 15.

*Connotacións semánticas da orixe semítica do concepto "espírito"*. Alento: Mc **8**, 12; Lc **8**, 55; 1Tes **2**, 8; vento: Xn **3**, 8; Heb **1**, 7; forza: Rm **1**, 4; **8**, 2; 1Cor **2**, 4; **15**, 45.

**Espírito Santo**: En relación co misterio de Cristo: Mt **1**, 18. 20; **4**, 1; Mc **1**, 10. 12; Lc **3**, 22; **4**, 1. 14; **10**, 21; Xn **1**, 32. 33; Feit **1**, 2; **10**, 38; 1Tim **3**, 16; Heb **9**, 14; en relación coa acción santificadora de Cristo: Mt **3**, 11; **12**, 31-32; Mc **1**, 8; **3**, 29; Lc **3**, 16; **12**, 10; Xn **3**, 34; **6**, 63; **7**, 39; **14**, 17. 26; **15**, 26; **16**, 13; **20**, 22; Tit **3**, 5; Heb **2**, 4; **6**, 4; **10**, 29; 1Pe **1**, 2; en relación coa vida cristiá: Mt **28**, 19; Lc **11**, 13; Xn **3**, 5-8; Feit **1**, 5. 8; **2**, 4. 17-18 (Xl **3**, 1-2). 33. 38; **8**, 15. 17-19; **9**, 17; Rm **5**, 5; **8**, 9-16. 23. 26; **14**, 17; **15**, 13. 30; 1Cor **6**, 19; 2Cor **1**, 12; **5**, 5; **6**, 6; **13**, 13; Gál **3**, 2. 5; **5**, 5. 16. 18; Ef **2**, 18. 22; **3**, 16; **4**, 3; **5**, 18; Flp **2**, 1; Col **1**, 8; 1Xn **4**, 13; en relación coa Igrexa: Feit **5**, 3. 9. 32; **8**, 39; **9**, 31; **10**, 19; **13**, 4; **15**, 28; **16**, 6; **19**, 1; **20**, 22. 28; Rm **15**, 16; 1Cor **12**, 4. 7-11; 2Tim **1**, 7; fonte da ledicia: Feit **13**, 52; 1Tes **1**, 6; forza salvífica: 1Tes **1**, 5; 2Tes **2**, 13; Ap **1**, 4; **3**, 1; **4**, 5; **5**, 6; a doazón do Espírito Santo pola imposición de mans: Feit **19**, 6; o Espírito Santo e a fe en Cristo: Feit **10**, 44-47; **11**, 15. 16. 24; **15**, 8; **19**, 2; Gál **3**, 14; **5**, 5; Ef **1**, 13; o Espírito Santo e a inspiración do cristián: Mc **13**, 11; Lc **12**, 12; Feit **2**, 4; **4**, 8. 31; **6**, 5; **7**, 51. 55; **8**, 29; **11**, 12. 28; **13**, 2. 9; **20**, 23; **21**, 4. 11; Rm **9**, 1; 1Cor **2**, 10. 11; **14**, 2. 32; Gál **4**, 6; Ef **3**, 5; **6**, 18; 1Tes **5**, 19; 1Tim **4**, 1; 2Tim **1**, 14; 1Pe **1**, 12; 1Xn **3**, 24; **4**, 1-3. 6; **5**, 6. 8; Xds 20; Ap **2**, 7. 11. 17. 29; **3**, 6. 13. 22; **19**, 10; autor da inspiración profética: Mt **22**, 43; Mc **12**, 36; Lc **1**, 15. 17. 41. 67; **2**, 25-27; Feit **1**, 16; **4**, 25; **28**, 25; 1Cor **14**, 32; Heb **3**, 7; **9**, 8; **10**, 5; 2Pe **1**, 21; Ap **14**, 13; **22**, 6; autor da intelixencia cristiá do A. T., oposta ao sentido literal histórico: Rm **2**, 29; **7**, 6; 2Cor **3**, 6.

**Esposa**: A Igrexa, pobo da Nova Alianza, esposa de Cristo: Mt **9**, 15; **22**, 1. 10; Lc **14**, 15-24; **25**, 1-13; Xn **3**, 29; Feit **5**, 2; Ef **5**, 23. 27; Ap **22**, 17; preparación do tema no A. T.: Is **49**, 14; **54**, 4-8; **60**, 15; **62**, 4-5; **63**, 15; Xer **3**, 4. 5. 22; **4**, 31; **31**, 19; Os **2**, 4-25; **3**, 1-5; **16**, 1-63; **23**, 1-49; esposa humana, a súa fidelidade ao marido: Dt **22**, 15-20; voda: Xén **24**, 65; **29**, 23-28; **38**, 14; Tob **9**, 1-10. 14.

**Eucaristía**: Prometida por Cristo: Mt **6**, 11; **14**, 19; Xn **6**, 1-71; instituída por Cristo: Mt **26**, 26-29; Mc **14**, 22-26; Lc **22**, 15-20; 1Cor **11**, 13-25; condicións para participar nela: 1Cor **11**, 26-34; existía xa na primeira comunidade: Feit **2**, 42. 46; **20**, 7.

**Evanxeo**: Xesús predica o Evanxeo do Reino (Mt **4**, 23; **9**, 35; **24**, 14) e de Deus (Mc **1**, 14. 15; cf Rm **1**, 1; **15**, 16; 2Cor **11**, 7; 1Tes **2**, 2. 8. 9; 1Pe **4**, 17); o Evanxeo é o mesmo Xesús Cristo: Mc **8**, 35; **10**, 29; Rm **1**, 1. 9; **15**, 19; debe ser predicado: Mc **13**, 10; **14**, 9; **16**, 15; Feit **15**, 7; 1Cor **9**, 12. 14. 18. 23; debe ser testificado con feitos e aínda co mesmo martirio: Feit **20**, 24; debe ser recibido coa conversión e coa fe: Mc **1**, 15; Rm **10**, 16; 2Cor **4**, 3; 1Tes **3**, 2; o seu contido é a salvación inaugurada e realizada por Cristo: Rm **1**, 16; **2**, 16; **11**, 28; **16**, 25; Gál **2**, 5; Ef **1**, 13; **3**, 6; **6**, 19; Col **1**, 5; 2Tes **2**, 14; 2Tim **1**, 10; o anuncialo é unha función sacra: Rm **15**, 6; o seu anuncio é medio de comunicación da salvación e do Espírito Santo: 1Tes **1**, 5; a súa formulación ten un contido doutrinal: 1Cor **15**, 1; este contido doutrinal recibe formulacións distintas: Gál **2**, 7; o contido doutrinal pode ser adulterado: 2Cor **11**, 4; Gál **1**, 6. 7; ten un con-

tido doutrinal e unha praxe moral: Gál **2**, 14; debe ser profesado externamente: 2Cor **9**, 13 é anunciado polo pobo crente: Flp **1**, 5; implica unha vida especialmente digna: Flp **1**, 27; o non aceptalo carrexa o xuízo escatolóxico do castigo de Deus: 2Tes **1**, 8; 1Tim **1**, 11; Ap **14**, 6.

**Excomuñón**: Exclusión do pobo por non cumprir certas leis: Xén **17**, 14; Éx **12**, 15. 19; **31**, 14; Lev **7**, 20-27; **18**, 19; **20**, 3. 18; Esd **10**, 8; separación dun membro da comunidade en orde a que recoñeza o seu pecado, se arrepinta del e reingrese nela: Mt **18**, 17; 1Cor **5**, 5. 11; 2Tes **3**, 6; 1Tim **1**, 20; Tit **3**, 10; 2Xn 10; costume tomado da praxe da comunidade xudía: cf Xn **9**, 22.

**Exorcismo**: Expulsión do demo pola invocación do nome de Xesús: Mt **12**, 27; Mc **16**, 17; Lc **9**, 49; Feit **19**, 13-14; o mesmo Xesús o fai: Mt **8**, 28-34; Mc **5**, 1-20; **9**, 14-29; Lc **8**, 26-39.

**Expiación**: Do pecado e da cólera de Deus, pola oración: Éx **32**, 11ss. 30; Núm **17**, 11ss; Sal **106**, 30; Heb **7**, 25; **9**, 24; dos pecados mediante a morte de Cristo: Heb **9**, 1-10. 18; expiación e perdón: 1Xn **2**, 2; **4**, 8-10; O día da Expiación: Lev **16**.

**Familia**: Patriarcal, do A. T.: Xén **1**, 27; **7**, 1; **12**, 1; **19**, 8; **29**, 14; **38**, 24; **46**, 8-26; Neh **7**, 4; Is **1**, 17; Xer **7**, 6-7; **22**, 3; na literatura sapiencial medra a importancia da esposa: Pr **1**, 8; **6**, 20; **10**, 1; **31**, 10-13; Ecl **7**, 29; Sal **128**, 3; monogamia no ensino moral de Xesús: Mt **7**, 6. 13; **10**, 25-35ss; **15**, 22; **20**, 20-21; Lc **1**, 68. 77; **7**, 6-16; **9**, 38ss; a Igrexa, familia de Deus: Ef **3**, 14; esposa de Cristo: Ef **5**, 12-33; Col **3**, 17.

**Fariseos**: Piedade externa sen correspondencia interna: Mt **5**, 20; **6**, 2; **15**, 2-11; **23**, 13-33; Mc **2**, 18; **7**, 3-5; Lc **5**, 21; **11**, 42-44; algúns fariseos convertidos: Xn **3**, 1; Feit **5**, 34; **23**, 6; Flp **3**, 5.

**Fe**: No A. T.: Exprésase nas grandes festas: Éx **12**, 21-23. 27; **23**, 14-18; **34**, 18-23; Lev **23**, 5; Núm **28**, 16-29; Dt **16**, 1ss; **26**, 5-10; Ez **45**, 18-25; transmíteselles aos meniños: Éx **12**, 26; **13**, 8; Dt **6**, 20; séguese da Alianza: Éx **3**, 1. 15; Núm **20**, 1-12; Sal **106**, 32ss; os milagres do Éxodo levan á fe en Deus e en Moisés: Éx **19**, 9; Núm **14**, 11; Heb **8**, 6ss; **9**, 15; **12**, 24; é obediencia á revelación de Deus: Éx **19**, 3-9; Dt **9**, 23; Sal **106**, 24ss; baséase na fidelidade de Deus ás súas promesas: Dt **7**, 17-24; **31**, 3-8; a confesión de fe é lembranza actualizadora das xestas salvíficas de Deus: Dt **26**, 5-9; Sal **78**; **105**; **136**; é confianza en Deus: Sal **89**, 21-38; Is **7**, 4-9; **8**, 5-8; firmeza do home ou do pobo pola súa confianza en Deus: 1Cro **28**, 16; 2Cro **20**, 20; Is **7**, 9; Hab **15**.

No N. T.: A corrupción moral incapacita para a fe: 2Tim **3**, 8; distinción entre fe e os sinais que poden levar a ela: Xn **4**, 48. 53; **6**, 30. 36; **7**, 31; **10**, 42; **20**, 31; Feit **9**, 42; **13**, 12; falsa fe (que Cristo descobre): Mt **24**, 23. 26; St **2**, 1; o proceso da fe: Xn **2**, 11. 22; **3**, 12; 1Cor **13**, 2; 2Cor **8**, 7; **10**, 15; 1Pe **1**, 7; 2Pe **1**, 5; Xds 20; fe e obras: Flp **1**, 27. 29; 1Tim **1**, 19; **6**, 12; 2Tim **1**, 12; St **1**, 3; **2**, 14. 17-26; 1Pe **5**, 9; 1Xn **5**, 4; Xds 3; Ap **2**, 19; **13**, 10; **14**, 12; constancia da fe: 1Tes **1**, 4; a fe como ofrenda sacrificial do pobo: Flp **2**, 17; a fe e os milagres de Cristo: Mt **8**, 10; **9**, 2. 22; **15**, 28; Mc **2**, 5; **4**, 40; **5**, 34; **10**, 52; Lc **7**, 9. 50; **8**, 25. 48; **17**, 19; **18**, 42; Feit **3**, 16; **14**, 9; a fe na resurrección de Xesús, característica esencial do discípulo: Mc **16**, 13. 14. 16. 17; Lc **24**, 25; 1Cor **15**, 14. 17; a fe na morte-resurrección de Cristo dá a vida eterna: Xn **3**, 15. 16. 36; **8**, 30; Rm **6**, 8; **10**, 9. 10. 11; 1Cor **1**, 21; **15**, 2. 11; 2Cor **4**, 13; Gál **2**, 20; 1Tes **4**, 13; a fe na divindade de Cristo: Xn **8**, 24; **9**, 35-38; **13**, 19; fiarse de Cristo: Mt **27**, 42; Mc **15**, 32; Xn **4**, 21; fiarse da persoa de Xesús, condición para a salvación: Xn **1**, 12; **3**, 18; **4**, 29; Ef **1**, 15; Col **1**, 4; a fe como esperanza de salvación que nos vén de Xesús: Mt **8**, 13; **9**, 28. 29; Mc **5**, 36; **9**, 23. 24; Lc **1**, 45; **8**, 50; 2Tes **2**, 13; a fe, condición para entrar no Reino: Mt **18**, 6; Mc **1**, 5; **9**, 42; condición esencial para a salvación: Lc **8**, 12. 13; Xn **1**, 7; **6**, 35. 69; Feit **13**, 39; **15**, 11; **16**, 31; Rm **1**, 16; **11**, 20; **13**, 11; 2Cor **13**, 5; Gál **6**, 10; 2Tes **2**, 13; 2Tim **3**, 15; fe e vida eterna: Xn **11**, 25. 27; Feit **13**, 48; 1Tim **1**, 16; Heb **10**, 38. 39; 1Xn **5**, 13; Xn **5**, 24. 38; **6**, 29. 40-47; **14**, 1. 10-12; a fe consiste na vida cristiá: 1Tes **3**, 2. 5. 6. 7. 10; 2Tes **1**, 3; 1Tim **1**, 4; **4**, 1; **5**, 8; **6**, 10. 21; Ap **2**, 13; a xustificación vén pola fe, e non polas obras da Lei: Rm **1**, 17; **3**, 22. 26-28. 30-31; **4**, 3. 5. 9-16. 19-20; **5**, 1-20; **5**, 1-20; **9**, 30-32; **10**, 4. 6. 8; Gál **2**, 16; **3**, 6. 7. 8. 9. 11. 12. 22-26; **5**, 5; Flp **3**, 9; St **2**, 4; a inhabitación de Cristo no cristián pola fe: Ef **3**, 17; a unidade pola fe: Ef **4**, 5. 13; Flp **6**; a fe asócianos á resurrección de Cristo: Col **2**, 12; a fe como expresión da relixiosidade cristiá: Rm **1**, 8. 12; **12**, 6; **14**, 1. 22-23; 1Cor **16**, 13; fe, esperanza e amor: 1Cor **13**, 13; 2Cor **5**, 6; Ef **6**, 23; 1Tim **1**, 5. 14; **2**, 15; **4**, 12; **6**, 11; 2Tim **1**, 13; **2**, 22; **3**, 10; Tit **3**, 15; Flp **5**; 1Xn **3**, 23; **4**, 16; **5**, 1; fe, verdade e liberdade: Xn **8**, 31. 45; **19**, 35; contidos cognoscitivos da fe: St **2**, 19; 1Tim **3**, 9; 2Tim **2**, 18; Heb **11**, 6; fe, paz e alegría: Xn **11**, 15; Feit **16**, 24; Rm **15**, 13; Flp **1**, 25; 1Pe **1**, 8. 9; a fe, froito da palabra evanxelizadora: Xn **4**, 41. 50; **17**, 20; Feit **4**, 4; **8**, 12; **14**, 1; **15**, 7; **17**, 12. 34; **18**, 8; Rm **10**, 14. 16. 17; 1Cor **3**, 5; Gál **1**, 23; 2Tes **1**, 10; 1Tim **2**, 7; obedecer a fe: Feit **6**, 7; Rm **1**, 5; **16**, 26; Gál **3**, 2; aceptar a fe: Feit **13**, 8; abrir as portas da fe: Feit **14**, 27;

estar firmes na fe: Feit **14**, 22; Col **1**, 23; **2**, 5. 7; 2Tim **4**, 7; a fe, fidelidade ao evanxeo: Flp **1**, 27; o discípulo, fillo na fe: 1Tim **1**, 2; Tit **1**, 4; a fe, fidelidade a Deus: 2Tim **1**, 5; robustecerse na fe: Feit **6**, 5; 1Tim **4**, 6; Tit **1**, 13; **2**, 2; a fe e a conversión: Feit **11**, 12; a fe necesaria para o bautismo: Feit **8**, 37; a fe e o perdón dos pecados: Lc **5**, 20; Feit **10**, 43; **15**, 9; **26**, 18; Rm **3**, 25; tensión escatolóxica da fe: Xn **3**, 18; 2Cor **5**, 7; 2Tes **1**, 10; **2**, 11. 12; Heb **4**, 3; **10**, 22; **11**, 39; **12**, 2; **13**, 7; St **2**, 5; 1Pe **1**, 9; acceso a Deus pola fe: Ef **3**, 12; 1Pe **1**, 21; a fe, medio de protección de Deus: 1Pe **1**, 5; a fe como don: Rm **12**, 3; 1Cor **1**, 14; Ef **2**, 8; 2Tim **1**, 4; a fe dos elixidos: Tit **1**, 1; St **2**, 5; 2Pe **1**, 5; a fe é a acción de Deus no home: Xn **5**, 44; **6**, 64; **8**, 46; Ef **1**, 19; 1Tes **2**, 13; 1Xn **5**, 10; a fe é o Espírito Santo: Xn **7**, 38. 39; Feit **6**, 5; **11**, 17. 24; **19**, 2; 1Cor **2**, 5; **12**, 9; Gál **3**, 2-5. 14; **5**, 5. 22; Ef **1**, 13; a fe do cristián clarifica o sentido do A. T.: Xn **5**, 46. 47; Feit **24**, 14; fe e paciencia para agardar a herdanza das promesas: Heb **6**, 12; a fe, condición para a eficacia da oración: Mt **21**, 22; Mc **11**, 2; St **1**, 6; **5**, 15; oración con fe e constancia: Lc **18**, 8; **22**, 32; a oración polo aumento da fe: Mc **17**, 5; o poder da fe: Mt **17**, 20; **21**, 21; Mc **11**, 22; Lc **17**, 6; crer a Xoán Bautista: Mt **21**, 25. 32; Mc **11**, 31; Lc **20**, 5.

**Felicidade**: Título de Deus (Deus feliz): 1Tim **1**, 11; **6**, 15; a feliz esperanza: Tit **2**, 13; "Feliz", expresión típica de felicitación: pola pertenza ao Reino de Deus: Mt **5**, 3-11; Lc **6**, 20-22; **14**, 14. 15; Ap, **14**, 13; **19**, 9; **20**, 6; **22**, 14; pola fe no Mesías e na súa mensaxe: Mt **11**, 6; **13**, 16; Lc **7**, 23; **10**, 23; **11**, 28; Xn **20**, 29; 1Pe **4**, 14; polo feliz cumprimento do servizo de Deus: Mt **24**, 46; Lc **12**, 37. 38. 43; do servizo aos irmáns: Xn **13**, 17; felicitacións referidas a María, a nai de Xesús: Lc **1**, 45; **11**, 27; felicitación pola fe e revelación recibida do Pai: Mt **16**, 17; Ap **1**, 3; **22**; polo recto obrar atendendo aos débiles: Rm **14**, 22; pola opción por unha casta viuvez: 1Cor **7**, 40; polo premio que lle espera ao que soporta a proba ou cumpre a Lei perfecta: St **1**, 12. 25; 1Pe **3**, 14.

**Fermento**: Excluído na festa da Pascua-Ácimos: Éx **12**, 15-16. 34. 39; tamén nos sacrificios, como se fose corrupción: Éx **25**, 18; **29**, 2; **34**, 25; Lev **2**, 4-5. 11; sentido de doutrina ou de vida corrompida: Mt **16**, 6. 12; Mc **8**, 15; Lc **12**, 1; 1Cor **5**, 6-8; Gál **5**, 9; necesidade da total transformación da persoa mediante a súa acollida ao Reino: Mt **13**, 33; Lc **20**, 21.

**Festa**: Calendarios das festas hebreas: Éx **12**, 1-14. 21-23. 27; **23**, 14-18; **34**, 18-23; Lev **23**, 5-8; Dt **16**, 1ss; **26**, 1-15; festa da Expiación: Lev **16**, 1-34; interpretado en cristián: Rm **5**, 5-6; Heb **5**, 7; **7**, 25; **9**, 3. 24-25; **13**, 11; festa da Dedicación do templo (desde o ano 164 a. C. ): Xn **10**, 22. 36; o domingo, día do Señor: Ap **1**, 10; primeiro día da semana: Mt **28**, 1; Mc **16**, 9; Xn **20**, 1. 19; o día despois do sábado: Mt **28**, 1.

**Figura**: Algo que imitar: Xn **13**, 15; Flp **3**, 17; 1Tes **1**, 7; 2Tes **3**, 9; 1Tim **4**, 12; Tit **2**, 7; St **5**, 10; 1Pe **5**, 3; esquema ou conxunto de doutrina: Rm **6**, 17; anticipo ou figura: Adán, figura de Cristo: Rm **5**, 14; os feitos do Éxodo, figura da vida do cristián: 1Cor **10**, 11; Col **2**, 17; Heb **10**, 1; prototipo celeste do que as realidades cúlticas do A. T. son imitación: Feit **7**, 44; Heb **8**, 5; **9**, 23.

**Fillo, Fillos** *(incluída a relación de dependencia e afinidade)*: Afinidades dependentes da xeración: 2Cor **3**, 7. 13; Heb **11**, 22; Ap **2**, 14; **7**, 4; **21**, 22; os fillos de Israel: Feit **5**, 21; **7**, 23. 37; **9**, 15; **10**, 36; Rm **9**, 27; os sacerdotes son fillos de Leví: Heb **7**, 5; xeito de chamar aos súbditos ou aos discípulos: Xos **7**, 19; 1Sam**18**, 22; Eclo **3**, 8; fillos dunha cidade ou rexión: Sal **149**, 2; Is **11**, 14; Xer **2**, 16; Ez **23**, 15; Paulo fillo de fariseos: Feit **23**, 6; fillos do Malo: Mt **13**, 28; fillos de Satán: Feit **13**, 10; fillos da rebelión: Ef **2**, 2; **5**, 6; Col **3**, 6; fillos dos que mataron aos profetas: Mt **23**, 31; fillos deste mundo: Lc **16**, 8; fillos da guehenna: Mt **23**, 15; fillos deste eón: Lc **20**, 34; fillos da perdición (Xudas): Xn **17**, 12; o fillo da perdición, o anticristo: 2Tes **2**, 3 fillo de Abraham (Zaqueo): Lc **19**, 9; cf Feit **13**, 26; os homes de fe: Gál **3**, 7; os fillos do Reino: Mt **8**, 12; **13**, 28; da paz: Lc **10**, 6; dos profetas: Feit **3**, 25; da luz: Lc **16**, 8; Xn **12**, 36; 1Tes **5**, 5; fillos do día: 1Tes **5**, 5; Marcos é fillo de Paulo na fe: 1Pe **5**, 13; o "discípulo amado", simbolicamente fillo de María: Xn **19**, 26.

**Fillo de Deus**: Rm 5, 10; o sangue do Fillo de Deus límpanos de todo pecado: 1Xn **1**, 7; Fillo de Deus: Fillo e herdeiro de todo: Heb **1**, 2; Fillo no sentido de Rei: Heb **1**, 8 sabemos que se fixo home o Fillo de Deus: Xn **5**, 20; Xesús, a pesar de ser Fillo, aprendeu sufrindo a obedecer: Heb **5**, 8; non crucifiquemos de novo ao Fillo de Deus: Heb **6**, 6; o apóstata pisa ao Fillo de Deus: Heb **10**, 29; Xesús, Fillo de Deus, é sumo sacerdote: Heb **4**, 14; o sacerdocio de Melquisedec seméllase ao sacerdocio eterno do Fillo de Deus: Heb **7**, 3; o Fillo permanece para sempre: Xn **8**, 35; a filiación divina de Xesús: Heb **1**, 5; cf Sal **11**, 7; Feit **13**, 33; Heb **5**, 5; Heb **7**, 28; Cristo é constituído Fillo de Deus en orde á santificación pola súa resurrección: Rm **1**, 3-4; Cristo á fronte da casa de Deus como Fillo: Heb

**3**, 6; a unidade da fe e o coñecemento pleno do Fillo de Deus: Ef **4**, 13; a revelación do Fillo: Gál **1**, 16; o Fillo de Deus no kerigma primitivo: Feit **9**, 20; submisión do Fillo ao Pai: 1Cor **15**, 28; agardar a volta do Fillo de Deus: 1Tes **1**, 10; fillo de Deus, título de Cristo: Ap **2**, 18; honrar ao Fillo: Xn **5**, 32; fórmulas nas que aparecen o Pai e o Fillo: 1Xn **1**, 3; **2**, 22-24; 2Xn 2; fórmulas trinitarias: Mt **28**, 19.

**Fillos de Deus**: Os que traballan pola paz: Mt **5**, 9; os que imitan o perdón de Deus: Mt **5**, 45; Lc **6**, 35; os que se deixan levar polo Espírito Santo: Rm **8**, 14; Gál **4**, 6. 7; fillos de Deus e herdeiros seus: Gál **4**, 7; fillos de Deus pola fe en Xesús Cristo: Gál **3**, 26; "fillos de Deus", título dos elixidos para formar o novo pobo: Rm **9**, 26 (Os **2**, 1); o pobo da Nova Alianza, constituído por fillos e fillas para Deus: 2Cor **6**, 18; o plan de Deus é levar moitos fillos á gloria: Heb **2**, 10; os que aman a Deus, semellaranse a seu Fillo: Rm **8**, 29; fillos de Deus son aqueles aos que Deus corrixe: Heb **12**, 5. 6. 7. 8; e o que saia vencedor na manifestación dos fillos de Deus: Rm **8**, 19.

**Fillo do Home**: Non ten onde pousar a cabeza: Mt **8**, 20; Lc **9**, 58; din del que é comellón e borracho: Mt **11**, 19; Lc **7**, 34; sementa a boa semente: Mt **13**, 27; baixou do ceo: Xn **3**, 13; ten poder para perdoar os pecados: Mt **9**, 6; Mc **2**, 10; Lc **5**, 24; é Señor do sábado: Mt **12**, 8; Mc **2**, 28; Lc **6**, 5; quen é o Fillo do Home: Mt **16**, 13-16; o perdón para quen fale contra o Fillo do Home: Mt **12**, 23; Lc **12**, 10; o Fillo do Home vén buscar e salvar o que estaba perdido: Lc **19**, 10; o Fillo do Home padecerá a mans das autoridades xudías: Mt **17**, 12; Mc **8**, 31; **9**, 12; Lc **9**, 22; será entregado (á morte): Mt **17**, 22; **20**, 18; **26**, 2. 24. 45; Mc **9**, 31; **10**, 33; **14**, 21. 41; Lc **9**, 44; os profetas predicaron a paixón do Fillo do Home: Lc **19**, 31; o seu pensamento estaba determinado: Lc **22**, 22; veu servir e dar a súa vida en rescate por todos: Mt **20**, 28; Mc **10**, 45; entregado por Xudas: Lc **22**, 48; Estará tres días no corazón da terra: Mt **12**, 40; Lc **11**, 30; resucitará: Mt **17**, 9; Lc **24**, 7; o Fillo do Home referido a Cristo resucitado: Heb **2**, 6-9; estará á dereita do Todopoderoso: Lc **22**, 69; será elixido para dar a vida eterna: Xn **3**, 14; **8**, 28; **12**, 34; a hora do Fillo do Home: Xn **12**, 23; **13**, 31; o sufrimento por mor do Fillo do Home: Lc **6**, 22; o pan que dá o Fillo do Home: Xn **6**, 27; a carne e o sangue do Fillo do Home: Xn **6**, 53; o lugar que ocupaba o Fillo do Home: Xn **6**, 62; o cego cre no Fillo do Home: Xn **9**, 35; o Fillo do Home volverá: Mt **10**, 23; **16**, 28; **24**, 37. 39. 44; Lc **12**, 40; volverá coa gloria do seu Pai e para un xuízo equitativo: Mt **16**, 27; **25**, 31; Mc **8**, 23; Xn **5**, 27; vén sobre as nubes do ceo: Mt **26**, 64; Mc **13**, 26; **14**, 62; Lc **9**, 26; cf **21**, 27; a parusía do Fillo do Home: Mt **24**, 27. 33; Lc **18**, 8; mandará aos seus anxos para facer o xuízo escatolóxico: Mt **13**, 41; sentará no seu trono de gloria para xulgar: Mt **19**, 28; o que confese a Xesús diante dos homes tamén o Fillo do Home (no xuízo escatolóxico): Lc **31**, 36; Estevo ve o Fillo do Home de pé á dereita de Deus: Feit **7**, 56; o Cristo glorioso do Apocalipse é como Fillo do Home: Ap **1**, 13; **14**, 14; os anxos de Deus e o Fillo do Home: Xn **1**, 51; ver o Fillo do Home na súa parusía final: Lc **17**, 22. 24. 26. 30.

**Fillo: Filiación Divina de Xesús**: Máis ca fillo de David: Señor: Mt **22**, 42. 45; Mc **12**, 35. 37; Lc **20**, 41. 44; Xesús, fillo de Deus: Mt **2**, 15; cf Os **9**, 1; fillo do dono da viña: Mt **21**, 37. 38; Mc **12**, 6; fillo de reis e con dereito a tal: Mt **17**, 25. 26; fillo do Rei que celebra a voda do fillo: Mt **22**, 2; fillo de Deus, na boca do demo: Mt **4**, 3. 6; **8**, 29; Mc **3**, 11; **5**, 7; Lc **4**, 3. 9. 41; **8**, 28; na boca dos discípulos: Mt **14**, 33; na boca de Pedro: Mt **16**, 16; na boca do mesmo Xesús: Xn **10**, 36; **11**, 4; na boca do centurión o dos soldados: Mt **27**, 54; Mc **15**, 39; o testemuño de Xoán o Bautista: Xn **1**, 34; a confesión de Natanael: Xn **1**, 49; no interrogatorio do sumo sacerdote: Mt **26**, 63; Mc **14**, 61; Lc **22**, 70; na cruz: Mt **27**, 40. 43; confesión de Marta: Xn **11**, 27; é o motivo da condena de Xesús: Xn **19**, 7; título do evanxeo de Marcos: Mc **1**, 1; na Anunciación: Lc **1**, 35; Xesús, fillo amado e predilecto do Pai: Mt **3**, 17; **17**, 5; Mc **1**, 11; **9**, 7; Lc **3**, 22; **9**, 35; **20**, 13; Xn **3**, 35; **5**, 20; 2Pe **1**, 17.

**Fillo: Filiación Humana de Xesús**: Fillo do carpinteiro: Mt **13**, 55; fillo de Xosé: Xn **1**, 45; **6**, 42; pensábase que era fillo de Xosé: Lc **3**, 23; **4**, 22; fillo de María: Mt **1**, 21; Mc **6**, 13; Lc **1**, 32; **2**, 7; fillo de David e fillo de Abraham: Mt **1**, 1; fillo de David (título mesiánico): Mt **9**, 37; **12**, 23; **15**, 22; **20**, 30. 31; **21**, 9. 15; Mc **10**, 47. 48; Lc **18**, 38. 39.

**Fillo único**: Do Pai: Xn **1**, 18; entregado por Deus para dar a vida eterna: Xn **3**, 16; Rm **8**, 32; 1Xn **4**, 9. 10. 14; fai coma o Pai: Xn **5**, 19; sintonía entre o Pai e o Fillo: Mt **11**, 27; Lc **10**, 22; ten o poder de xulgar: Xn **5**, 22. 27; dispón da vida: Xn **5**, 26; o mundo salvarase por El: Xn **3**, 17; dálle vida a quen quere: Xn **5**, 21; a vida eterna está nel: 1Xn **5**, 11; ver o Fillo e crer nel, para ter vida eterna: Xn **3**, 36; **6**, 40; **20**, 31; dá a liberdade: Xn **8**, 36; estamos no Verdadeiro (o Pai), grazas ao seu Fillo: 1Xn **5**, 20 permanecer no Fillo: 1Xn **2**, 24; cf **4**, 15; a nosa comuñón co Pai e co seu Fillo: 1Xn **1**, 3; cf 1Cor **1**, 9; ter

ao Pai e ao Fillo: 2Xn 9; non crer no nome do Fillo único de Deus: Xn **3**, 18; 1Xn **5**, 5; Deus dá testemuño do seu Fillo: Xn **5**, 9. 10; o anticristo é quen nega ao Pai e ao Fillo: 1Xn **2**, 22-23; vivir na fe do Fillo de Deus: Gál **2**, 20; o evanxeo do Fillo de Deus: Mc **1**, 1; Rm **1**, 9; Deus mandou ao seu propio Fillo: Rm **8**, 3; Gál **4**, 4; Deus lévanos ao Reino do seu Fillo: Col **1**, 13; reconciliados pola morte do Fillo de Deus: Rm **5**, 10; o sangue do Fillo de Deus límpanos de todo pecado: 1Xn **1**, 7.

**Fin, "Fin do Mundo"**: "A fin", título de Deus e de Cristo: Ap **1**, 6; **22**, 13; o sacerdocio de Cristo, sen fin: Heb **7**, 3; o Reino do Mesías non terá fin: Lc **4**, 33; o sacrificio de Cristo no remate dos séculos: Heb **9**, 26; o proceso de Xesús e a fin: Mt **26**, 58; Lc **22**, 37; Cristo, fin da Lei: Rm **10**, 4; a fin é a salvación do odio e da persecución dos fieis a Cristo: Mt **10**, 22; **24**, 13; Mc **13**, 33.

**Fin (= Xuízo)**: A fin do individuo é segundo as súas obras: 2Cor **11**, 15; o xuízo e a fin do mundo: separación de malos e bos: **13**, 39-49; a fin do servizo a Deus é a vida eterna: Rm **6**, 22; a fin é o día da manifestación de Xesús Cristo, onde os fieis se verán libres da acusación: 1Cor **1**, 8; a fin dos séculos é a situación salvífica actual cristiá: 1Cor **10**, 11; a fin é o Reino co sometemento de todo poder: 1Cor **15**, 24; a participación no reino escatolóxico de Cristo: Ap **2**, 26; a perdición é a fin do que serve ao pecado: Rm **6**, 21; Flp **3**, 19; o lume é a fin dos infieis: Heb **6**, 8; as guerras e catástrofes, signos de proximidade da fin: Mt **24**, 3-6; as persecucións dos cristiáns, signos do xuízo de Deus que vai empezar: 1Pe **4**, 17; antes da fin, chegará a noticia do Reino a todos os pobos: Mt **24**, 14; exhortación á dilixencia ata a fin: Heb **3**, 6. 14; **6**, 11; a proximidade da fin suscita a oración e a caridade no pobo: 1Pe **4**, 7; precísase a paciencia para a vinda do Señor: St **5**, 11; Cristo está presente connosco ata a fin do mundo: Mt **28**, 20.

**Forma, Figura, Imaxe**: A imaxe contén en certo sentido as realidades significadas: Heb **10**, 1; o ser de Cristo móstrase nas cristofanías: Mt **17**, 2; (Mc **16**, 12) como Deus (Flp **2**, 6) e como servo (Flp **2**, 7); o home é imaxe e reflexo de Deus: 1Cor **11**, 17; Cristo é imaxe de Deus: 2Cor **4**, 4; Col **1**, 15; no home reprodúcese a imaxe do primeiro Adán e tamén a do segundo, Cristo resucitado: 1Cor **15**, 49; o que Deus quere é que no cristián se reproduza a imaxe de seu Fillo: Rm **8**, 29; **12**, 2; 2Cor **3**, 18; Flp **3**, 10. 21; Col **3**, 10; a forma deste mundo, dominado polo mal e polo pecado, está para desaparecer: 1Cor **7**, 31; as imaxes dos ídolos participan da realidade que representan: Rm **1**, 23; Ap **13**, 14-15; **14**, 9. 11; **15**, 2; **16**, 2; **19**, 20; **20**, 4.

**Inmoralidade sexual e simbólica**: Xén **38**, 24; Dt **22**, 21; Eclo **9**, 6; **26**, 12; Mt **5**, 32; **15**, 19; **19**, 9; Lc **16**, 18; Feit **15**, 20. 29; 1Cor **6**, 18; referencia ao culto idolátrico: Xer **3**, 1-5; Ez **16**, 18-63; **23**, 1-45; Os **2**, 2-5; Ap **14**, 8; **17**, 2; **18**, 3; **19**, 2; aos pactos cos xentís: Is **23**, 17; Ez **16**, 26; **23**, 19-21; imaxe de infidelidade a Deus: Mt, **12**, 35; **16**, 4; Mc **3**, 38; St **4**, 4; Ap **2**, 21-22; inmoralidade sexual interna: Mt **5**, 27-28; **15**, 19; Mc **7**, 21; referencia á súa prohibición no catálogo de preceptos: Mt **19**, 18; Mc **10**, 19; Lc **18**, 11. 20; Rm **13**, 9; St **2**, 11; outras prohibicións da fornicación: Feit **15**, 20. 29; **21**, 25; 1Cor **6**, 18; Ef **5**, 3; represión pola fornicación: 1Cor **5**, 1; 2Cor **12**, 21; 2Pe **2**, 14; exhortación á moralidade: Col **3**, 5; 1Tes **4**, 3; Heb **13**, 4; catálogo de vicios que exclúen do Reino: 1Cor **6**, 9; Gál **5**, 19-21; Ap **9**, 21; o corpo non é para a fornicación senón para o Señor: 1Cor **6**, 15; un si ao matrimonio máis ben que á inmoralidade: 1Cor **7**, 2; perdón de Xesús á adúltera: Xn **8**, 3-11; o adulterio, imaxe da idolatría: Ap **14**, 8; **17**, 2. 4; **18**, 3; **19**, 2; imaxe da infidelidade a Deus: Mt **12**, 39; **16**, 4; Mc **3**, 38; St **4**, 4; Ap **2**, 21-22.

**Fracción do pan**: Costume xudeu de partilo coas mans: Is **58**, 7; Xer **16**, 6; Lam **4**, 4; así fai Xesús na Última Cea: Mc **14**, 22, e paral.; expresión para designar a Eucaristía: Feit **2**, 42. 46; **20**, 7; **27**, 35; 1Cor **11**; anticípase no xesto da multiplicación dos pans: Mc **6**, 41ss; **8**, 6-19 e paral.

**Froito**: Os fillos froito do ventre: Xén **30**, 2; Dt **7**, 13; **28**, 4; Is **13**, 18; o comportamento humano: Pr **1**, 31; **12**, 14; **13**, 2; **18**, 20; Is **3**, 10; Xer **17**, 10; **32**, 19; **21**, 14; Os **10**, 13; Xesús é o froito bendito do ventre de María: Lc **1**, 24; a frutificación pasa pola morte: Xn **12**, 24; a unión con Cristo esixe froitos abundantes: Xn **15**, 2-16; Deus esixe froitos: Mt **21**, 34. 41. 43; Mc **12**, 2ss; Lc **20**, 10ss; a palabra salvífica ha de dar froitos: Mt **13**, 8-23; Mc **4**, 7. 8-20; Lc **8**, 8. 15; Rm **1**, 13; Flp **1**, 22; Col **1**, 6; maldición de Cristo á infrutuosidade do pobo: Mt **21**, 19; Mc **11**, 14; espera de Deus: Lc **13**, 6-9; exhortación do Bautista a dar froitos bos, de acordo coa conversión: Mt **3**, 8. 10; Lc **3**, 8. 9; froitos para a vida eterna: Lc **12**, 17-21; Xn **4**, 36; Rm **7**, 4-5; Col **1**, 10; contraposición do froito da escravitude ao pecado e do servizo a Deus: Rm **6**, 21-22; froitos do Espírito: Gál **5**, 22; Ef **5**, 9; Flp **1**, 11; Heb **12**, 11; St **3**, 18; carácter escatolóxico destes froitos: Mc **4**, 28-29; discernimento dos profetas polos seus froitos: Mt **7**,

16-20; **12**, 33; discernimento dos discípulos: Lc **6**, 43-44; froitos da árbore da Vida: Ap **22**, 2; o froito dos labios que loan a Deus: Heb **13**, 15; o froito espiritual dos que axudan aos pobres de Xerusalén: Rm **15**, 28; Flp **4**, 17.

**Gloria**: Nas criaturas: Abundancia de cousas preciosas: Xén **31**, 1; Est **5**, 11; Sal **49**, 17ss; Is **10**, 3; **22**, 24; **61**, 6; **66**, 12; Nah **2**, 10; numeroso pobo, feliz e poderoso: Is **5**, 13; **16**, 14; **17**, 3ss; **21**, 16; Os **9**, 11; Miq **1**, 15; Mt **4**, 8; Mc **10**, 37; Lc **4**, 6; Ap **21**, 24-26; no reino de Salomón: Mt **6**, 29; Lc **12**, 27; honor e popularidade do sabio: Sal **4**, 3; **7**, 4-6; **21**, 6; **112**, 9; Pr **3**, 35; **11**, 16; **26**, 1; Eclo **10**, 1; Os **4**, 7; Lc **14**, 10; 1Cor **11**, 15; Flp **3**, 19; 1Tes **2**, 6. 20; de Deus: Manifestación da súa presenza na historia do pobo: Éx **16**, 7. 10; **24**, 16ss; **40**, 34; Sal **19**, 2; **57**, 6. 12; **72**, 19; **104**, 31; Is **4**, 2; nas teofanías: Dt **5**, 21; Ez **1**, 28; **3**, 12ss; **8**, 4; **9**, 3; **10**, 4 ss; **11**, 23; **43**, 2ss; **44**, 4; na liturxia hebrea: Lev **9**, 6; **23**ss; 1Re **8**, 11; 2Cro **5**, 14; **7**, 1-3; Sal **24**; **26**, 8; **63**, 3; espérase para a plenitude dos tempos: Sal **102**, 17; Is **24**, 23; **35**, 2; **40**, 5; **61**, 1ss; **66**, 18; presenza de Deus: Heb **9**, 5; Xds 24; Ap **15**, 8; **21**, 11. 23; Deus é o Deus da gloria: Feit **7**, 2; Gál **1**, 17; 1Pe **4**, 14; 2Pe **1**, 17; recoñecemento da presenza salvífica de Deus: Lc **2**, 14. 32; **19**, 38; Xn **11**, 4. 40; **12**, 41; Rm **1**, 23; **3**, 7. 23; **6**, 4; **9**, 4. 23; **15**, 6. 9; 1Cor **6**, 20; 2Cor **8**, 23; **9**, 13; Gál **1**, 24; Ef **1**, 6. 12. 14; **3**, 16; Flp **4**, 19; Col **1**, 11. 27; 1Tes **2**, 12; 2Tes **1**, 9; **3**, 1; 1Tim **1**, 11; Heb **9**, 5; 1Pe **18**, 2. 12; 2Pe **1**, 3. 17; Ap **18**, 1; termo característico das teofanías (Lc **2**, 9; **9**, 11-12; Feit **7**, 55) e das doxoloxías (Rm **1**, 1. 36; **16**, 27; Gál **1**, 5; Ef **3**, 21; Flp **4**, 20; 1Tim **1**, 17; 2Tim **4**, 18; Heb **13**, 21; 1Pe **4**, 11; 2Pe **3**, 18; Xds 25; Ap **1**, 6; **4**, 9. 11; **5**, 12. 13; **7**, 12; **19**, 1).

*Dar gloria a Deus*: Recoñecer a obra salvífica de Deus: Mt **5**, 16; Lc **17**, 18; Xn **9**, 24; Feit **12**, 23; Rm **4**, 20; 2Cor **1**, 20; 1Pe **4**, 16; Ap **11**, 13; **14**, 7; **15**, 4; **16**, 9; **19**, 7; prestixio humano contraposto á gloria que vén de Deus: Xn **5**, 41-44; **7**, 18; **8**, 50. 54; **12**, 43; o Pai dá a gloria eterna a Cristo: Xn **17**, 5; 2Cor **4**, 6; Heb **1**, 3; **2**, 7. 9; Cristo é o Señor da gloria: 1Cor **2**, 8; o discípulo ha contemplar a gloria de Cristo: Xn **1**, 14; **17**, 24; que xa se manifestou: Xn **2**, 11; 2Cor **4**, 4; cómpre que Cristo morra antes de entrar na súa gloria: Lc **24**, 26; a gloria de Cristo na súa entronización celeste: 1Tim **3**, 16; St **2**, 1; 1Pe **1**, 21; na súa volta coa gloria do Pai: Mt **16**, 27; **19**, 28; **24**, 30; **25**, 31; Mc **8**, 38; **13**, 26; Lc **9**, 26; **21**, 22. 27; gloria na súa volta escatolóxica: Tit **2**, 13; 1Pe **5**, 1; o plan de Deus é levar todo á gloria: Heb **1**, 10; 1Pe **5**, 10.

*Cristo transmite a súa gloria aos seus discípulos*: Xn **17**, 22; 2Cor **3**, 7-11. 18; Flp **3**, 21; 2Tes **2**, 14; a nosa gloria (= a nosa salvación): 1Cor **7**, 2; Ef **3**, 13; gloria futura (= salvación futura): Rm **5**, 2; **8**, 18. 21; 1Cor **15**, 43; Ef **1**, 18; Col **1**, 27; Gloria indestrutible (= salvación inmortal): Rm **2**, 7. 10; **15**, 7; Col **3**, 4; 2Tim **2**, 10; 1Pe **5**, 4; o home, imaxe gloriosa de Deus e a muller, do home: 1Cor **11**, 7; sexa todo para gloria de Deus: 1Cor **10**, 31; 2Cor **4**, 15; **8**, 19; Flp **1**, 11; **2**, 11; a nosa penalidade produce gloria: 2Cor **4**, 17; 1Pe **1**, 7. 11; **4**, 13; glorificar a Deus (os non cristiáns) pola luz dos cristiáns: Mt **5**, 6; glorificar a Deus ao ver as obras de Cristo: Mt **9**, 8; **15**, 31; Mc **2**, 12; Lc **2**, 20; **5**, 26; **7**, 16; **13**, 13; **17**, 15; **18**, 43; **23**, 47; ao ver as obras dos apóstolos: Feit **4**, 21; **11**, 18; **21**, 20; froitos: Xn **15**, 8; **17**, 10; pola palabra (profética) de Deus: Feit **13**, 48; polas obras de Deus na natureza: Rm **1**, 21.

*Cristo glorificado*: Xn **7**, 39; **8**, 54; **11**, 4; **12**, 16. 23. 28; Heb **5**, 5; a glorificación de Cristo, glorificación do Pai: Xn **13**, 31-32; **14**, 13; **17**, 1. 4-5; Cristo glorifica o Pai coa súa morte: Xn **21**, 19; o Pai glorifica a Cristo na resurrección e entronización celeste: Feit **3**, 13; Deus é glorificado por Cristo: 1Pe **4**, 11; o Espírito Santo glorificará a Cristo coa acción dos discípulos: Xn **16**, 14; Cristo era glorificado por todos: Lc **4**, 15; a glorificación dos xa xustificados: Rm **8**, 30; os hipócritas buscan seren glorificados pola súa esmola: Mt **6**, 2.

**Gloriarse**: Rexeitamento do gloriarse xudeu na observancia da Lei: Rm **2**, 17; **4**, 2; Ef **2**, 9; na Lei, quebrantándoa: Rm **2**, 23; na circuncisión: Gál **6**, 13; non gloriarse da xustificación polas obras: Rm **3**, 27; gloriarse en Deus por Cristo Xesús: Rm **5**, 11; 1Cor **2**, 31 (cf Xer **9**, 23); 2Cor **10**, 17; en Cristo Xesús: Rm **15**, 17; Flp **1**, 26; **3**, 3 gloriarse na dignidade cristiá: St **1**, 9; gloriarse na esperanza da gloria de Deus, no día de Cristo: Rm **5**, 2; 2Cor **1**, 14; Flp **2**, 16; 1Tes **2**, 19; Heb **3**, 6; gloriarse de Paulo no testemuño da súa conciencia: 2Cor **1**, 12; gloriarse na Cruz de Cristo: Gál **6**, 14; nas tribulacións: Rm **5**, 3; na propia fraqueza: 2Cor **11**, 30; Deus escolleu o baixo deste mundo para que ninguén se glorie: 1Cor **1**, 29; que ninguén se glorie ante os homes: 1Cor **3**, 21; **4**, 7; da fidelidade á vocación de Deus: 1Cor **15**, 31; 2Cor **5**, 12; **7**, 14; **8**, 24; **9**, 2-3; **10**, 8. 13-16; **11**, 12. 16-18; **12**, 1. 5; Gál **6**, 4; Paulo glóriase da gratuidade da predicación evanxélica: 1Cor **9**, 15. 16; 2Cor **11**, 10; non gloriarse da propia riqueza: St **4**, 16; non gloriarse dos pecados: 1Cor **5**, 6.

**Glosolalia**: Linguaxe dos extáticos, que precisa intérprete: Feit **10**, 46; **19**, 6; 1Cor **14**, 2-10; **12**,

10; a xenolalia ou a posibilidade de falar comprensivamente linguas estranxeiras carismaticamente: Mc **16**, 17; Feit **2**, 4ss.

**Graza**: Compracencia ou favor dos homes e entre eles: Feit **2**, 47; **4**, 33; **7**, 10; perdón das débedas: Lc **7**, 42. 43; agradecemento entre persoas: Lc **17**, 9; favor gratuíto entre persoas: Feit **25**, 3. 9; favor merecido (en contexto relixioso): Lc **6**, 32-34; Rm **4**, 4; pedir indulto: Feit **3**, 14; entregar polas boas a Paulo ao capricho dos xudeus: Feit **25**, 11. 16; "Deus de toda graza": 1Pe **5**, 10; "o tribunal da graza": Heb **4**, 16; discurso sobre a benevolencia salvífica de Deus: Lc **4**, 22; **18**, 27; **20**, 36-38; Deus enche de graza a María: Lc **1**, 28. 30 (cf Feit **7**, 46); a graza é propia de Cristo que nola comunica: Rm **5**, 15; Gál **1**, 6; Flp **2**, 9; 2Tim **2**, 1; a graza, o favor de Deus, estaba con Xesús neno: Lc **2**, 40. 52; Cristo é o Logos, cheo de graza e de verdade: Xn **1**, 14. 17; a graza, xenerosidade de Cristo en favor do ser humano: 2Cor **8**, 9; a vista concedida por graza a moitos cegos: Lc **7**, 21; a graza, favor divino, comunica a fe e a conversión: Feit **11**, 23; **13**, 43; 2Tim **1**, 9; 3Xn 4; o perdón dos pecados, concedido por Deus: 2Cor **2**, 7. 10; **12**, 13; Ef **4**, 32; Col **2**, 13; favor salvífico de Deus, expresado na morte e resurrección de Cristo: Heb **2**, 9; **10**, 29; **12**, 15; vocábulo técnico para expresar o don salvífico que Deus nos concede por Cristo: no saúdo das cartas: Rm **1**, 7; 1Cor **1**, 3; 2Cor **1**, 2; Gál **1**, 3; Ef **1**, 2; Flp **1**, 2; Col **1**, 2; 1Tes **1**, 1; 1Tim **1**, 2; 2Tim **1**, 2; Tit **1**, 4; Flm 3; 1Pe **1**, 2; 2Pe **1**, 2; 2Xn 3; Ap **1**, 4; na despedida das cartas: Rm **16**, 20; 1Cor **1**, 23; 2Cor **13**, 13; Gál **6**, 18; Ef **6**, 24; Flp **4**, 23; Col **4**, 18; 1Tes **5**, 28; 2Tes **3**, 18; 1Tim **6**, 21; 2Tim **4**, 22; Tit **3**, 15; Flm 25; Heb **13**, 25; Ap **22**, 21; favor salvífico de Deus: Rm **11**, 5-6; Gál **2**, 21; **5**, 4; a xustificación do home é gratuíta, xa que se debe ao favor de Deus que se alcanza coa fe: Rm **3**, 24; **4**, 16; **5**, 15. 17. 20; **6**, 1; 1Cor **6**, 1; Gál **3**, 18; Ef **1**, 7; **2**, 5. 7ss; Tit **3**, 7; don gratuíto da salvación que Cristo nos comunica: Feit **15**, 40; Rm **11**, 5ss; Col **1**, 6; Deus concede a súa graza aos humildes: St **4**, 6; 1Pe **5**, 5; a graza de Deus alenta ao que soporta sufrimentos inxustos: 1Pe **2**, 19. 20; **5**, 12; Flp **1**, 29; o beneficio gracioso da boa palabra que un cristián lle fai ao outro: Ef **4**, 29; favor divino que concede a vida cristiá en progreso: Xn **1**, 16; Rm **8**, 32; 1Cor **1**, 4; **2**, 12; 2Cor **1**, 15; **4**, 15; **8**, 1; **9**, 14; Ef **1**, 6; 2Tes **1**, 12; 1Tim **1**, 14; 1Pe **1**, 10; **3**, 7; **4**, 10; 2Pe **3**, 18; situación graciosa ante Deus con perspectiva escatolóxica: Rm **5**, 2. 17. 21; **6**, 14. 15; 2Tes **2**, 16; Tit **2**, 11; Heb **13**, 9; 1Pe **1**, 13; este don salvífico abarca a vocación de cada cristián ao apostolado: Feit **14**, 26; **15**, 11; Rm **1**, 5; **12**, 3; **15**, 15; 1Cor **3**, 10; **15**, 10; 2Cor **1**, 12; **8**, 19; Gál **1**, 15; **2**, 9; Flp **1**, 7; 2Tim **2**, 1; a vocación ao diaconado de Estevo (Feit **6**, 8) cos diferentes carismas ou vocacións especiais: Ef **4**, 7; graza de Deus son as diferentes axudas providenciais de Deus ao apóstolo: a visita a unha comunidade (Flm 22), a asistencia de Cristo ás accións apostólicas de Paulo enfermo (2Cor **12**, 9), a salvación dos náufragos, concedida pola oración de Paulo (Feit **27**, 24), e a mesma comida (1Cor **10**, 30), os favores materiais recibidos de Deus (2Cor **9**, 8), o diñeiro das colectas (1Cor **15**, 57; **16**, 3; 2Cor **2**, 14; **8**, 4. 6ss; **9**, 15; Col **3**, 16); úsanse ademais fórmulas de agradecemento a Deus (2Cor **8**, 16; 2Tim **1**, 3; Heb **12**, 28); e a Cristo (1Tim **1**, 12).

**Gregos, pagáns, xentís**: Pagán como equivalente a pecador: Gál **2**, 15; homes baldeiros por dentro: Ef **4**, 17; vida inmoral dos pagáns: 1Cor **5**, 1; 1Tes **4**, 5; inclinados á idolatría: 1Cor **12**, 2; o sinal do paganismo era a non-circuncisión: Ef **2**, 11; a tiranía dos xefes pagáns non pode ter cabida no Reino: Mt **20**, 25; Mc **10**, 42; Lc **22**, 25; as preocupacións terreais, alleas ao Reino, son propias dos pagáns: Mt **6**, 32; Lc **12**, 30; exhórtase aos cristiáns a un comportamento digno entre os pagáns: 1Pe **2**, 12; paixón de Xesús a mans dos pagáns: Mt **20**, 19; Mc **10**, 33; Lc **18**, 32; Feit **4**, 27; Paulo, entregado aos pagáns: Feit **21**, 11; liberación de Paulo dos xudeus e pagáns: Feit **26**, 17; a persecución dos pagáns aos apóstolos: Mt **10**, 18; profecías en contra dos reinos pagáns: Ap **10**, 11; **11**, 2. 18; Xesús instálase en Cafarnaúm, na Galilea dos xentís: Mt **4**, 15; **12**, 18. 21; a misión previa dos apóstolos diríxese aos xudeus, non aos pagáns: Mt **10**, 5; a morte e a resurrección de Xesús convérteno no Mestre e Salvador universal: Lc **24**, 47; Xn **7**, 35; **12**, 20; Feit **28**, 28; Gál **3**, 14; Ap **5**, 9; **14**, 6; **22**, 2; a predicación cristiá diríxese a todas as xentes: Mt **28**, 19; 1Tim **4**, 17; aos gregos: Feit **2**, 5. 9. 15; **11**, 1. 20; **13**, 46; **14**, 1; **18**, 4; **19**, 10; **20**, 21; Gál **1**, 16; **2**, 2; o don do arrepentimento e da vida dáselles aos pagáns: Feit **11**, 18; **15**, 19; **26**, 20; Rm **1**, 13; os pagáns escoitan (a palabra), cren e énchense de ledicia: Feit **13**, 48; **14**, 27; **15**, 3. 7; **21**, 25; Rm **16**, 18.

*Misión apostólica de Paulo aos pagáns*: Feit **22**, 21; Rm **1**, 5. 14. 16; **15**, 16. 18; Gál **1**, 16; **2**, 8. 9; Ef **3**, 8; 1Tim **2**, 7; ante a negativa xudía á fe, Paulo dedícase aos pagáns: Feit **18**, 6; é o apóstolo dos pagáns: Rm **11**, 13; Paulo e Bernabé realizan sinais e prodixios ante os pagáns: Feit **12**, 12; Cristo é luz que aluma as nacións:

Feit **13**, 47; xudeus e gregos aceptan a fe: Feit **17**, 12; o pai de Timoteo é grego: por iso Paulo circuncida o fillo: Feit **16**, 1. 3; o compañeiro de Paulo, Tito, é grego e non circuncidado: Gál **2**, 3; os prosélitos gregos xúntase na Igrexa: Feit **15**, 23; **17**, 4; **19**, 17; tensións na primeira comunidade xudía-grega de Xerusalén: Feit **6**, 1. 9. 29; o grego profana o templo: Feit **21**, 28; estas disensións pasan á vida da primeira Igrexa (comida da carne sacrificada aos ídolos): 1Cor **10**, 32; xudeus e gregos xúntanse na Igrexa: 1Cor **12**, 13; Gál **3**, 28; Col **3**, 11; Ap **7**, 9; **21**, 24. 26; o Reino seralle entregado a un pobo (pagán) que dea os seus froitos: Mt **21**, 43; Feit **15**, 4. 17 (Am **9**, 12); os pagáns participan dos bens espirituais dos xudeus e deben vivir agradecidos aos xudeus: Rm **15**, 27; dáselles aos pagáns o don do Espírito Santo: Feit **10**, 45; Deus é o Deus de todos os pagáns: Rm **3**, 29; a situación ante Deus de xudeus e gregos é a mesma: Rm **2**, 9ss; **3**, 9; **10**, 12. 35; Cristo é o xuíz escatolóxico de todos os pobos: Mt **25**, 32; o templo é casa de oración para todos os pobos: Mc **11**, 17 (Is **56**, 7); Abraham é o pai de moitos pobos (xentís): Rm **4**, 17 (cf Xén **17**, 5. 18); Gál **3**, 8 (cf Xén **12**, 3); vocación de xudeus e pagáns á fe e á salvación: Rm **9**, 24; os pagáns, pola fe, acadan a xustificación: Rm **9**, 30; os pagáns convertidos son auténtico pobo de Deus, e non os xudeus e infieis: Rm **10**, 19 (cf Dt **32**, 21); **11**, 11ss; os pagáns loan a Deus pola súa misericordia salvífica: Rm **15**, 9-12; comunidades de xentís, pagáns: Rm **16**, 4; o Misterio dado a coñecer a todos os xentís para provocar neles a fe: Rm **16**, 26; Ef **3**, 6; Col **1**, 27; 1Tim **3**, 16; oposición dos xudeus á apertura salvífica en favor dos pagáns: 1Tes **2**, 16; Cristo, Rei das nacións (dos pagáns): Ap **12**, 5; **19**, 15; Deus, Rei das nacións: Ap **15**, 3. 4; xuízo de Deus sobre as nacións: Ap **16**, 19; misión de Satanás de enganar as nacións: Ap **20**, 3. 18; sinais previos da fin: guerras entre os pobos (xentís): Mt **24**, 7; Mc **13**, 8; Lc **21**, 10; os discípulos serán odiados por todos os xentís: Mt **24**, 9; 2Cor **11**, 26; a proclamación do Reino a todos os pobos: Mt **24**, 14; esta proclamación será previa á conversión dos xudeus: Rm **11**, 1-27; o período dos pagáns coa conseguinte opresión do pobo de Deus terá fin: Lc **21**, 24; Feit **14**, 2. 5; angustia dos xentís ante os signos escatolóxicos: Lc **21**, 25.

**Guerra**: De conquista da terra prometida: Xos **15**, 63; **16**, 10; **17**, 12-17; Xuí **1**, 27-33; para defender a terra: Xuí **2**, 3; **4**, 2; **6**, 2. 23; 1Sam **7**, 3; **13**, 3; 1Re **14**, 25; **15**, 7. 16; 2Re **16**. **18**. **19**; 1Mac **3**, 2. 11; **4**, 8. 11; **5**, 68; 2Mac **8**, 10; **13**, 10-17; **15**, 23; expansionismo militar en David: 2Sam **8**, 11; inmoralidade da guerra no N. T.: nace dun corazón ruín: Mc **7**, 20ss; St **4**, 1ss; Xesús manda amar e facer o ben: Mt **5**, 39. 44; **7**, 12; ao ser vencido o Maligno, na escatoloxía reinará a paz: Dn **7**, 19-25; Zac, **1**, 3; Ap **12**, 7; **16**, 14.

**Herdanza**: Abraham recibe a promesa de herdar a terra: Xén **15**, 7-21; Dt **4**, 21; **12**, 9; Xuí **20**, 6; 2Sam **20**, 19; Neh **11**, 20; Xer **2**, 7; **16**, 18; **50**, 11; Lam **5**, 2; Ez **46**, 17; Miq **2**, 2; Feit **7**, 5; Heb **8**, 11; o pobo de Israel é a herdanza de Deus: Dt **9**, 26; Sal **28**, 9; **33**, 12; **68**, 10; **78**, 62. 71; **95**, 1ss; **106**, 5; Is **19**, 25; **47**, 6; Xer **12**, 7ss; X1 **2**, 17; **4**, 2; Iavé é a herdanza dos levitas: Núm **18**, 20; Dt **10**, 9; **18**, 2; Xos **13**, 33; Ez **44**, 26; tamén a de David: Sal **16**, 5; os xentís son a herdanza do Mesías: Sal **2**, 8; herdar a terra escatolóxica (o ceo): Mt **5**, 5; os pobres son escollidos por Deus para seren herdeiros do Reino: St **2**, 5; herdar a vida eterna: Mt **19**, 29; Mc **10**, 17; Lc **10**, 25; **18**, 18; Tit **3**, 7; herdar o Reino: Mt **25**, 34; Cristo herdeiro de todo: Heb **1**, 2; Cristo herda un título moi superior ao dos anxos: Heb **1**, 4; en Cristo herdamos nós: Ef **1**, 11; os cristiáns "herdeiros da promesa": Heb **6**, 17; os que han de herdar a salvación: Heb **1**, 14; Cristo, por ser fillo, ten dereito a herdar a viña (o pobo de Deus): Mt **21**, 38; Mc **12**, 7; Lc **20**, 14; a herdanza recibímola por sermos fillos de Deus: Rm **8**, 17; Gál **3**, 29; **4**, 4; o Espírito Santo é anticipo da nosa herdanza escatolóxica: Ef **1**, 14-18 (cf Rm **8**, 17); polo sangue glorioso de Cristo reciben os chamados a herdanza eterna: Heb **9**, 15; a rexeneración cristiá para a herdanza imperecedoira: 1Pe **1**, 4; o Señor recompensaranos o noso servizo a El coa herdanza: Col **3**, 24; o que venza na persecución herdará o mundo novo, obra de Deus: Ap **21**, 7; o cristián fiel, pola fe e a paciencia, herdará as promesas: Heb **6**, 12; a herdanza non vén pola Lei, senón pola promesa e pola fe na promesa: Rm **4**, 13. 14; Gál **3**, 18; Heb **11**, 7; a herdanza dáselle ao fillo da muller libre: Gál **4**, 30 (cf Xén **21**, 10); a palabra salvífica de Deus ten poder para dar a herdanza: Feit **20**, 32; vicios que impiden herdar o Reino: 1Cor **6**, 9. 10; Gál **5**, 21; Ef **5**, 5; a carne e o sangue non poden herdar o Reino: 1Cor **15**, 50.

**Holocausto**: Sacrificio no que se queima toda a vítima, un animal sen defecto: Lev **1**, 3. 10; **22**, 18ss; o ofrecido pola mañá: Lev **9**, 17; Núm **28**, 22; 2Re **16**, 15; Ez **46**, 13; o ofrecido á tardiña: Éx **29**, 42; Núm **28**, 3. 6. 10. 15. 23. 24. 31; **29**, 6. 11. 16. 19. 22. 25. 28. 31. 34. 38; Esd **3**, 5; Neh **10**, 34; Ez **46**, 15; ofrecíanse años e carneiros: Éx **24**, 18; Lev **8**, 18; **9**, 9; **16**, 3-5; pero eran

de máis valor os cabritos: Núm **15**, 8. 24; 2Sam **24**, 22; nas grandes ocasións carneiros, cabritos e becerros: Núm **23**, 1-6. 14. 15; Is **1**, 11; en Pentecoste: Lev **23**, 18; os días un e dez do sétimo mes: Núm **29**, 2. 8. 36; na festa das Cabanas: Núm **29**, 13ss; na dos Ácimos (Pascua): Ez **45**, 23; os sábados: Ez **46**, 4; na Dedicación do Templo: 2Cro **29**, 32; á volta do exilio: Esd **8**, 35; ofrecidos no altar dos holocaustos: Éx **30**, 28; **31**, 9; **35**, 16; **38**, 1; **40**, 6. 10. 29; Lev **4**, 7. 10. 18. 25. 30-34; 1Cro **6**, 34; **16**, 40; **21**, 26. 29; Xos **22**, 29; o oferente impoñía as mans sobre a cabeza da vítima e logo sacrificábaa: Lev **1**, 4ss; **4**, 24. 33; **6**, 8; **7**, 2; **9**, 12; **14**, 13. 19. 31; Ez **40**, 39. 42.

**Hosanna** (Salva Iavé): Sal **118**, 25; Mt **21**, 9; Xn **12**, 13.

**Hostia**: Vítima sacrificial. Hostia de loanza: Sal **116**, 17; Heb **13**, 15; hostia do noso corpo: Rm **12**, 1; hostia, que é a esmola: Fil **4**, 18; non agradan a Deus sen conversión e auténtica piedade: Pr **15**, 18; Eclo **34**, 23; Is **1**, 11; Xer **6**, 20; **7**, 22; Am **5**, 22ss; a conversión e a piedade son máis gratas a Deus: Sal **40**, 7-15; **51**, 19; **141**, 2; Eclo **15**, 2-4; Mt **9**, 13; Fil **2**, 7.

**Igrexa** (Asemblea do pobo de Deus): Núm **20**, 4; Dt **23**, 1; Xuí **20**, 2; 1Sam **14**, 47; 1Cro **29**, 1; Feit **19**, 32. 39; Rm **16**, 5; fundada por Xesús: Mt **16**, 18; **18**, 17; Feit **5**, 11; **8**, 3; Rm **16**, 1; 1Cor **4**, 17; **11**, 16; **12**, 28; Gál **1**, 13; Ef **1**, 22; **5**, 23-32; Fil **3**, 6; St **5**, 4; Igrexa local: Feit **15**, 42; **20**, 17; Rm **16**, 4; 1Cor **1**, 2; **4**, 17; Gál **1**, 2; Ap **1**, 4; **3**, 6; asemblea política no motín e mitin de Éfeso: Feit **19**, 32. 39. 43; a Igrexa do deserto de Moisés e Aharón: Feit **7**, 38; a Igrexa xudía: Heb **2**, 12 (cf Sal **22**, 23); **12**, 23; xuntarse en asemblea: 1Cor **11**, 18; fundar a Igrexa de Xesús sobre Pedro: Mt **16**, 18; edificar a comunidade coa doutrina inspirada aos carismáticos: 1Cor **14**, 4. 5. 12. 19; a Igrexa na función xudicial-reconciliadora: Mt **18**, 17; temor sacral da comunidade ante a Santidade da mesma Igrexa: Feit **5**, 11; Igrexa en sentido local, equivalente á nosa parroquia: a Igrexa de Xerusalén ou en Xerusalén: Feit **8**, 1. 3; **11**, 22; **12**, 1. 5; comunidade local (parroquia): Feit **14**, 27; **15**, 3. 41; **16**, 5; **18**, 22; 1Cor **1**, 2; **4**, 17; **6**, 4; 1Tim **5**, 16; 3Xn 6. 9ss; Ap **1**, 11. 20; **2**, 1. 7-8. 11-12. 17-18. 29; **3**, 1. 6-7. 13-14. 22; **22**, 16; comunidades locais de...: Feit **11**, 26; **13**, 1; 1Cor **16**, 1. 19; 2Cor **8**, 1; Gál **1**, 2. 22; Ap **1**, 4; xuntanza da comunidade local: 1Cor **14**, 23. 28. 34 ss; Gál **3**, 21; a Igrexa de Antioquía ten profetas e mestres: Feit **13**, 1; a Igrexa de Xerusalén ten apóstolos e presbíteros: Feit **15**, 4. 22; cada Igrexa ten os seus presbíteros ou representantes: Feit **14**, 23; **20**, 17; hai apóstolos das Igrexas locais: 2Cor **8**, 23ss; lista de carismáticos na Igrexa local, con diaconisas: Rm **16**, 1; a Igrexa local coida das necesidades materiais de Paulo e Bernabé: Feit **15**, 3; 2Cor **11**, 8; **12**, 13; Flp **4**, 15; "toda a Igrexa" (local): Rm **16**, 23; "todas as Igrexas" (locais): 1Cor **7**, 17; **14**, 33; 2Cor **8**, 18ss; **11**, 28; Ap **2**, 23; a Igrexa de Deus (Igrexa local): 1Cor **1**, 2; **10**, 32; **11**, 16. 22; **15**, 9; 2Cor **1**, 1; 1Tes **1**, 4; 1Tim **3**, 5. 15; a Igrexa de Cristo: Rm **16**, 16; a Igrexa de Deus Pai e do Señor Xesús Cristo (Igrexa local): 1Tes **1**, 1; 2Tes **1**, 1; a Igrexa de Deus, adquirida co seu sangue: Feit **20**, 28; as Igrexas dos xentís: Rm **16**, 4; as Igrexas de Xudea (locais): 1Tes **2**, 14; ás Igrexas locais hanse pasar as cartas de Paulo: Col **4**, 16; a Igrexa familiar ou doméstica, con funcións catequéticas e exhortativas: Rm **16**, 5; 1Cor **16**, 19; Col **4**, 15; Flm 2; a Igrexa con sentido de diocese, a Igrexa de Palestina: Feit **9**, 31; a Igrexa de Deus co sentido de Igrexa total: Gál **1**, 13; Flp **3**, 6; a Igrexa con sentido xeral e total: Ef **1**, 22; **3**, 10; **5**, 23-25. 27. 29. 32; Col **1**, 18.24.

**Imaxe**: Prohibición de imaxes de Deus no A. T.: Éx **20**, 4; Lev **26**, 1; Dt **4**, 6; Sab **14**, 15; o home, feito á imaxe de Deus: Xén **1**, 26ss; **5**, 1; **9**, 6; Sal **8**, 5-9; Ecl **7**, 20; Sab **2**, 23; Eclo **17**, 1; Xesús, imaxe do Pai: 2Cor **4**, 4; Col **1**, 15; Heb **1**, 3; os cristiáns, imaxes de Xesús Cristo: Rm **8**, 29; 1Cor **15**, 49; Col **3**, 9ss.

**Imposición de mans**: Voto para confirmar a bendición do pai ou do sacerdote: Xén **48**, 13ss; Lev **9**, 22; Mt **19**, 13. 15; para transmitir a potestade de xulgar o pobo: Núm **27**, 18. 23; Dt **34**, 9; para indicar ritualmente a substitución do animal sacrificado polo individuo ou polo pobo: Éx **29**, 10; Lev **1**, 4; **3**, 2. 8. 13; **8**, 14. 18. 22; **16**, 21ss; Núm **8**, 10-12; para curar os enfermos: Mc **6**, 5; **7**, 32; **8**, 22-25; Lc **4**, 40; **13**, 13; para consagrar os ministros da Igrexa: Feit **6**, 6; **13**, 3; 1Tim **4**, 14; **5**, 22; 2Tim **1**, 16; para conferir o Espírito Santo na confirmación dos bautizados: Feit **8**, 17-19; **9**, 12. 17; **19**, 6.

**Inferno (gehenna)**: O xeol: Xob **7**, 9; **14**, 13; **26**, 6; Pr **15**, 24; Ct **8**, 6; Ez **26**, 20; o país das tebras: Xob **10**, 21; lugar onde irán os condenados: Mt **5**, 22. 29s; **10**, 28; **18**, 9; **23**, 33; Mc **9**, 43ss; Lc **12**, 5; St **3**, 6; seno de Abraham, onde predica Cristo: 1Pe **3**, 19; o lugar dos mortos: Ap **1**, 18; o abismo: Sal **6**, 6; o pozo do abismo: Ap **9**, 1-2; cf Ap **11**, 7; Ap **20**, 1-3; o abismo do Xeol: Eclo **21**, 10; o hades: Sab **1**, 14; **16**, 13.

**Inimigo**: Non obstante a lei do talión (Lev **19**, 18), propia dunha sociedade nómade, xa desde o A.

T. se prohibe o odio ao inimigo: Dt **7**, 2; **23**, 6; Esd **9**, 12; devolverlle mal por mal: Pr **20**, 22; Rm **12**, 17; 1Tes **5**, 15; 1Pe **3**, 9; cf 1Sam **24**, 4-8; **26**, 7-12; Xer **45**, 4-15; **50**, 9-21; alegrarse da súa ruína: Xob **31**, 29ss; Pr **24**, 17; Eclo **8**, 8; mándase facerlle ben: Éx **23**, 4; Dt **22**; Pr **25**, 21; Rm **12**, 20; no N. T. mándase o amor ao inimigo: Mt **5**, 44; Lc **6**, 27; **23**, 34; Rm **2**, 6-10; e reconciliarse con el: Mt **5**, 23ss; Rm **12**, 18; Heb **12**, 44.

**Irmán**: Vinculados por xenética ou federacións de tribos: Xén **4**, 9; **42**, 15; Xuí **9**, 5; por matrimonio: Xén **13**, 8; pola mesma tribo: 2Sam **19**,12; os vínculos políticos, o mesmo pobo: Éx **2**, 11; os homes entre nós: Xén **9**, 5; Mt **5**, 22; **7**, 3; Heb **2**, 11; pola mesma fe e os sacramentos cristiáns: Mt **6**, 8-15; Xn **1**, 13; **3**, 5; Feit **10**, 23; Col **1**, 2; 1Xn **3**, 9ss; **5**, 1; irmáns de Xesús, con vínculos familiares (cf Mc **6**, 3; Lc **1**, 34): Mt **1**, 18-25; **12**, 46-48; Mc **3**, 31ss; Lc **8**, 19-21; Xn **2**, 12; **7**, 3. 5. 10; Feit **1**, 14; 1Cor **9**, 5; dise dos que cren en Xesús: Mt **12**, 48-50; **25**, 40; **28**, 10; Rm **8**, 29.

**Lavarse**: Obriga de lavarlles os pes ao hóspede e ao camiñante: Xén **18**, 4; **19**, 2; **24**, 32; Lc **7**, 14; 1Tim **5**, 10; ao meniño que acaba de nacer: Ez **16**, 4; os vestidos e vasos do templo: Lev **11**, 25. 28; **13**, 6. 34; **14**, 8. 47; **15**, 5; **16**, 26; **17**, 15; os sacerdotes han de lavarse a miúdo: Éx **29**, 4; **30**, 19; Lev **16**, 4; Núm **8**, 7; os fariseos lavaban as mans antes de comeren: Mt **15**, 2; Mc **7**, 3ss; Lc **11**, 38; en sinal de purificación dos pecados: Sal **51**, 4; Is **1**, 16; **4**, 4; Xer **2**, 22; Ap **1**, 5; **7**, 14; **22**, 14; o bautismo é "lavado de rexeneración": Xn **3**, 5; Ef **5**, 26.

**Lei**: En sentido literal, os libros do Pentateuco: Mt **5**, 17ss; **7**, 12; **11**, 13; **12**, 15; **22**, 40; Lc **24**, 44; Xn **7**, 51; **8**, 5. 17; **10**, 34; 1Cor **9**, 8ss; **14**, 34; Gál **4**, 21; os preceptos do Pentateuco: Heb **7**, 5. 28; **8**, 4; **9**, 19. 22; **10**, 8. 28; co sentido de todo o A. T.: Xn **12**, 34; 1Cor **14**, 21; segundo os xudeus, quen non entende da Lei é un maldito: Xn **7**, 49 a lectura da Lei e dos Profetas facíase na sinagoga: Feit **13**, 15; foi recibida por medio dos anxos (tradición xudía): Feit **7**, 53; equivale á relixiosidade ou formas de culto: Feit **23**, 29; é norma de xustiza xudía: Flp **3**, 5ss (sen artigo), aplicada ás tradicións xudías: Feit **22**, 3; Xesús cumpre a Lei do Señor: Lc **2**, 22-24. 27. 39; foi xulgado segundo a Lei: Xn **7**, 51; **18**, 31; **19**, 7; Feit **23**, 3; someteuse á Lei para rescatar aos sometidos á Lei: Gál **4**, 4ss; Xesús veu purificar a Lei das contaminacións da tradición xudía: Mt **15**, 16; veu sintetizar os preceptos do A. T. no precepto do amor: Mt **17**, 12; **22**, 30; Xesús veu para levar á plenitude a Lei e os Profetas: Mt **5**, 17ss; todo o A. T. (a Lei e os Profetas) ten sentido profético ata o Bautista; con Xesús empeza a etapa definitiva, a era escatolóxica: Mt **11**, 13; Lc **16**, 16; Xn **1**, 45; **15**, 25; Feit **28**, 23; contén unha sombra dos bens definitivos: Heb **10**, 1; na etapa definitiva cumprirase plenamente toda a Lei: Lc **16**, 17; **24**, 44; Rm **8**, 4; **9**, 31; Cristo é a meta á que tende a Lei, xustificando ao home pola fe: Rm **4**ss; **8**, 4; **9**, 31; Feit **13**, 39; contraposición da Lei coa graza e a verdade: Xn **1**, 17; contraposición entre a fidelidade de Cristo e a infidelidade dos xudeus: Xn **7**, 19. 23; contraposición da Lei positiva xudía coa Lei natural: Rm **2**, 12-27; a xustificación consíguese non pola Lei, senón pola fe en Cristo: Rm **3**, 19-31; **4**, 13-16; **6**, 14ss; Gál **2**, 16; **3**, 10-12; Flp **3**, 9; o Espírito de Xesús Cristo arrinca do crente o lazo indisoluble cos baixos instintos, atizados pola mesma Lei: Rm **7**, 2-25; **8**, 2-4. 8; Gál **2**, 19. 21; **3**, 2. 5. 13; **5**, 18. 23; a herdanza cristiá depende da promesa feita a Abraham, non da Lei, que é posterior: Gál **3**, 17-19. 21-24; a finalidade histórica da Lei foi aumentar o pecado: Rm **5**, 13. 20; **7**, 5; 1Cor **15**, 56; a finalidade da Lei foi anunciar os delitos: Gál **3**, 19; 1Tim **1**, 8ss; o cristián está libre da Lei (Ef **2**, 15), pero, aínda que libre da Lei, o apóstolo sométese a ela para gañar os que están baixo a Lei (1Cor **9**, 20); a circuncisión obrigaría ao cristián á observancia da Lei: Gál **5**, 3ss; **6**, 13; os cristiáns xudaizantes gardan a Lei de Moisés: Feit **15**, 5; **21**, 20. 24; acusan a Paulo de inducir os homes a dar culto contra a Lei: Feit **18**, 13; pero Paulo cre todo o escrito na Lei e nos Profetas, interpretado en sentido cristián: Feit **24**, 14; o sacerdocio de Cristo, que é de familia davídica (da tribo de Xudá), supón o cambio da Lei e a supresión do sacerdocio levítico (Heb **7**, 12. 16), que non levará á perfección (Heb **7**, 19).

**Leviatán ou Lotán**: Figura mítica, significativa dos poderes caóticos: Xob **3**, 8; **40**, 25; Sal **74**, 14; **104**, 26; Is **27**, 1.

**Levitas**: Cregos de segunda categoría, dedicados a oficios de cantores, gardas, etc.: Núm **8**, 5-26; o termo pode significar sacerdotes, polo seu ascendente Leví: Xuí **7**, 7-9; **18**, 3. 15; **19**, 1. 8; **20**, 3; a lexislación faise remontar a Moisés: Éx **6**, 16-20; Núm **3**, 14-20; os levitas substitúen aos primoxénitos no culto a Deus: Núm **3**, 6-50; encoméndanse á caridade dos fieis: Dt **12**, 12. 18-19; **14**, 27; **16**, 6-7. 11. 14; **26**, 11-13; conságranse: Núm **8**, 5-26; despois do exilio encoméndanselles novo oficios: Esd **2**, 70; Neh **7**, 73; **11**, 15-19.

**Liberdade**: No A. T. liberdade interior ou persoal: Xén **1**, 26; **2**, 17; Dt **30**, 9; Ecl **2**, 26; **7**, 13; **8**, 10; Eclo **15**, 14ss; Is **1**, 19; Xer **11**, 8; liberdade

política ou de tributos aos estranxeiros: Éx **16**, 3; 1Mac **1**, 41-49; **2**, 19ss; **14**, 29; 2Mac **3**, 1ss; **6**, 1ss; sentido sociolóxico do home libre, contraposto ao escravo: Ap **6**, 15; **13**, 16; **19**, 18; o escravo cristián recibe de Cristo unha liberdade espiritual que lle fai superar a súa condición sociolóxica: 1Cor **7**, 21ss; a escravitude dos escravos cristiáns e a súa obediencia aos homes ha de ser como a obediencia de Cristo ao Pai: Ef **6**, 8; Xesús, aínda que se sinte libre de pagar os impostos, quere que se paguen, para non escandalizar: Mt **17**, 26; Cristo, comunicándonos a verdade, fainos libres: Xn **8**, 32-36; Rm **6**, 18-22; 1Cor **10**, 29; Cristo libra o novo pobo do xugo da Lei: Rm **3**, 7; **8**, 2; 1Cor **9**, 1; Gál **2**, 4; a unidade dos cristiáns en Cristo está por enriba das diferenzas entre escravos e libres: 1Cor **12**, 13; Gál **3**, 28; Col **3**, 11; onde está o Espírito do Señor, hai liberdade: 2Cor **3**, 17; esta liberdade do cristián é sinal dos últimos tempos, e xa agroma na Xerusalén do ceo: Gál **4**, 22; **5**, 1; a creación mesma agarda verse libre da súa corruptibilidade coa liberdade dos fillos de Deus: Rm **8**, 21; a liberdade do Apóstolo e do cristián está limitada pola súa decisión de servizo: 1Cor **9**, 19; a liberdade cristiá non debe dar pé ás paixóns: Gál **5**, 13; 1Pe **2**, 16; 2Pe **2**, 19; a lei dos homes libres é poñer en práctica a mensaxe: St **1**, 25; **2**, 12; a liberdade da muller casada e da viúva: 1Cor **7**, 39.

**Libro**: Escrito curto: Is **37**, 14; Xer **32**, 12; **36**, 2. 32; Lc **4**, 14; libro da xenealoxía: Neh **7**, 5; Mt **1**, 1ss; libro das leis ou da alianza: Éx **24**, 7; Dt **28**, 61; Xos **1**, 8; **24**, 26; 2Re **23**, 2; Neh **8**, 8; escrito longo: Xer **25**, 13; **30**, 2; **45**, 1; Ez **2**, 9; Dn **9**, 2; **12**, 4; Nah **1**, 1; libro da vida ou catálogo dos destinados á vida: Éx **32**, 32ss; Sal **56**, 9; **69**, 29; **87**, 6; **139**, 16; Dn **12**, 1; Flp **4**, 3; Ap **3**, 5; **13**, 8.

**Loanza** (cf Acción de grazas), dirixida a Deus: Mt **26**, 3; Mc **14**, 26; Rm **1**, 25; **9**, 5.

**Lume**: Imaxe literaria da gloria de Iavé: Éx **24**, 17; Dt **4**, 24; **9**, 3; Is **33**, 14; da ira de Iavé: Ez **21**, 36; **22**, 21. 31; **38**, 19; da guerra: Núm **21**, 28; Sal **78**, 63; resonancias dos elementos do mundo: Mt **9**, 22; **17**, 15; Lc **9**, 54; 2Pe **3**, 7; auga e lume, signos da nova creación: Lc **12**, 49; sinal de perdición: Xds 23; sinal da protección divina a favor dos xustos: Ap **20**, 9; sinal de destrución de todo poder humano divinizado: Ap **17**, 16; **18**, 8; sinal do coñecemento divino absoluto: Ap **1**, 14; **2**, 18; **19**, 12; equivalente a poder: Ap **4**, 5.

*Sentido teofánico*. Mar de lume é o pavimento do ceo: Ap **15**, 2; lume, para significar a presenza e acción do Espírito Santo: Feit **2**, 3. 19; **7**, 30; Heb **1**, 7; **12**, 18.

*Sentido de xuízo escatolóxico*. Sentido negativo de castigo: Mt **3**, 18; **5**, 22; **13**, 40. 42. 50; **18**, 8ss; Lc **3**, 9; Xn **15**, 6; Heb **10**, 27; St **5**, 3; lume eterno: Mt **18**, 8; **25**, 41; Lc **3**, 12; Xds 7; que invade toda a personalidade: St **3**, 5ss; lagoa de lume e xofre, sinal do poder diabólico: Ap **9**, 17ss; **14**, 10.

*Sentido apocalíptico de purificación ou castigo*. Ouro (bens, riquezas espirituais) purificado co lume: Ap **3**, 18; a fe purificada co lume do sufrimento: 1Pe **1**, 7; sinal de purificación das obras do home: 1Cor **3**, 13. 15; 2Tes **1**, 8; Heb **12**, 29; 2Pe **3**, 7; "lume baixado do ceo", falso signo na nova época: Ap **13**, 13; sinal de castigo apocalíptico que precede á nova época: Lc **9**, 54; **17**, 29; Ap **8**, 5. 7. 8; **10**, 1; **11**, 5; **14**, 18; **16**, 8; sinal de purificación polo Espírito Santo: Mt **3**, 11; Mc **9**, 49; Lc **3**, 16.

**Luz**: No A. T. é unha imaxe literaria para expresar a claridade e o esplendor : da revelación de Deus (Sal **3**, 5; Sal **37**, 6; Os **6**, 5), do esplendor da vida (Xob **33**, 30; Sal **56**, 14), do favor e graza que Deus comunica ao home (Xob **29**, 24; Sal **4**, 7; **44**, 4; **86**, 16; Pr **16**, 15). Deste xeito goza desta felicidade, saúde e prosperidade que lle vén de Deus: Xob **30**, 26; Sal **36**, 10; Pr **13**, 9; Is **9**, 1; Xer **13**, 16; Lam **3**, 2; Am **5**, 18. 20; Miq **7**, 9. Expresa tamén: a "luz de Deus", a revelación, que ilustra e dá forza e felicidade (Xob **25**, 3; **29**, 3; Sal **27**, 1; **36**, 10; **43**, 3; Is **2**, 5; **10**, 17; **60**, 1. 3. 19ss; Miq **7**, 8), que Deus habita nunha luz inaccesible (1Tim **6**, 16), que Deus é o Pai das luces (St **1**, 17), Deus é Luz (1Xn **1**, 5), Cristo é a Luz (Xn **1**, 4-9; **12**, 35. 36. 46; Col **1**, 12; Heb **6**, 4; **10**, 32; 2Tim **1**, 10; 2Pe **1**, 19), a contraposición apocalíptica de luz-tebras (Lc **16**, 8; Feit **16**, 28; Rm **13**, 12; 2Cor **6**, 14; **11**, 14; Ef **5**, 8. 9. 13; 1Tes **5**, 5; 1Pe **2**, 9; 1Xn **1**, 7; **2**, 8-10), o sinal da salvación e do Reino que chega aos pagáns (Mt **4**, 16; cf Is **8**, 23; **9**, 1; Lc **2**, 32), a resurrección de Cristo, comezo da era escatolóxica (Feit **26**, 23), Cristo é a Luz do mundo (Xn **8**, 12; **9**, 5); a luz é sinal cristofánica da aparición a Paulo (Feit **9**, 3; **22**, 6. 9. 11; **26**, 13), a luz como resurrección (Xn **11**, 9ss), luz como coñecemento na fe cristiá (Ef **1**, 18), os discípulos de Xesús Cristo deben proclamar a mensaxe na luz (Mt **10**, 27; Lc **12**, 3), a luz e o ollo iluminado son signo da salvación da persoa (Mt **6**, 22ss; Lc **11**, 33. 25; 2Cor **4**, 6), Paulo é luz das nacións (Feit **13**, 47; cf Is **49**, 6; Ef **3**, 9), Xoán o Bautista luz que testemuñou en favor de Xesús Cristo (Xn **5**, 35), os discípulos serán luz do mundo coas súas obras e coa súa

doutrina (Mt **5**, 14. 16; Lc **8**, 16; Flp **2**, 15) é sinal do xuízo escatolóxico (1Cor **4**, 5); o xuízo escatolóxico de Deus realízase na aceptación ou na negación da luz, que é Cristo (Xn **3**, 19-21); á luz da nova Xerusalén e á lámpada do Año e á súa luz camiñan os xentís (Ap **21**, 23ss; **21**, 11; **22**, 5); na transfiguración, Xesús aparece resplandecente como a luz (Mt **17**, 2); a luz é sinal nas anxelofanías (Feit **12**, 7; Ap **18**, 1).

**Mandamento**: Ordes positivas de Deus como consecuencia da Alianza: Xén **18**, 19; Éx **5**, 6; **15**, 25; **21**, 1; **24**, 3; Lev **5**, 10; **9**, 16; **18**, 45; **26**, 15. 43; Núm **15**, 16; **36**, 13; Dt **4**, 1. 5; **5**, 1. 21; 1Re **2**, 3; 2Re **17**, 37; Sal **18**, 23; **19**, 10; **82**, 5; **119**; **147**, 15 ss; Ez **5**, 6; **18**, 5; **20**, 3; **37**, 24; co sentido dunha lei particular da vida cristiá ou xudía: Mt **5**, 19; Mc **10**, 15; Lc **1**, 6; **23**, 56; ten un carácter de resposta persoal: Mt **15**, 3; **19**, 17; Mc **7**, 8; **10**, 19; 1Cor **7**, 19; **14**, 37; Ef **2**, 15; equivale á esixencia obrigante da Lei: Mt **22**, 36. 38. 40; Mc **12**, 28. 31; Lc **18**, 20; revelación do amor de Deus: 2Xn 4-6; o único mandamento de Xesús é o amor: Xn **13**, 34; **14**, 15. 21; **15**, 10. 12. 14. 17; 1Xn **2**, 3 e 7; **3**, 23ss; **4**, 21; **5**, 2ss; Ap **14**, 12; este amor, procedente do amor entre o Pai e o Fillo, exemplifícase no comportamento de Cristo: Xn **10**, 17ss; **12**, 49ss; **14**, 31; **17**, 26.

**Mar**: O Mediterráneo: Éx **23**, 31; Núm **34**, 65; Dt **11**, 24; **34**, 2; Xos **1**, 4; **23**, 4; Is **11**, 11; **24**, 15; Ez **47**, 10. 19; **48**, 28; o mar Morto: Xén **14**, 3; Dt **3**, 17; **4**, 49; Xos **18**, 19; 2Re **14**, 25; Is **16**, 8; Xer **48**, 32; Ez **47**, 18; X1 **2**, 20; Zac **14**, 8; o mar de Galilea ou lago de Xenesaret: Núm **34**, 11; Xos **12**, 3; Mt **4**, 18; Mc **1**, 16; Xn **6**, 1; **21**, 1; un dos inimigos da divindade nas concepcións míticas cananeas: Xob **9**, 8; Sal **74**, 13; Pr **23**, 34; Is **51**, 10; **57**, 20; Am **9**, 3; Ap **20**, 8. 13; **21**, 1; resonancias de poder diabólico: Mt **8**, 24-38; **14**, 24-26; Mc **4**, 39-41; **6**, 47-49; Xn **6**, 18-22.

**Matrimonio**: Contraído como alianza sagrada: Pr **2**, 18; Mal **2**, 14; Ef **5**, 25-33; 1Cor **7**, 3-5; instituído como algo monogámico: Xén **1**, 28; **2**, 18; e restituído na monogamia por Xesús: Mt **19**, 4-10; Mc **10**, 11; Lc **16**, 18; corrompido coa poligamia no A. T.: Xén **4**, 19; Éx **21**, 9ss; Dt **21**, 15-17; **26**, 34; **28**, 9; **30**, 3; Xuí **8**, 30; 1Re **11**, 3; e co divorcio: Dt **21**, 1-4; prohíbese entre os parentes: Lev **18**, 6-18; **20**, 10-17.

**Mel**: Mel das abellas: Xuí **14**, 83; **9**, 18; 1Sam **14**, 25ss; prohíbese nos sacrificios do templo (Lev **2**, 11), xa que era habitual nos cultos cananeos; pero os apóstolos danllo a Xesús resucitado: Lc **24**, 42; "Terra que dá leite e mel" (don precioso de Deus): Éx **3**, 8. 17; **13**, 5; **33**, 3; Lev **20**, 24; Núm **13**, 27; **14**, 8; **16**, 13ss; Dt **6**, 3; **11**, 7; **26**, 9. 15; **27**, 3; **31**, 20; Xos **5**, 6; Xer **11**, 5; **32**, 22; Ez **20**, 6. 15; produto de Palestina, xunto coa cebada, o trigo e o aceite: Xén **43**, 11; Dt **8**, 8; **32**, 13; Xer **4**, 8; **16**, 13-19; Ez **27**, 17; abundancia de leite e mel (das silvas moi melíferas) como sinal de despoboamento e desastre nacional: Is **7**, 11. 15; o mel, asemellado á sabedoría e ao tino na vida: Xob **20**, 17; Pr **16**, 24; **24**, 13; **25**, 16. 27; asemellado ao fiel cumprimento da lei: Sal **19**, 11; **119**, 103; a súa dozura comparada coas palabras da noiva do Cántico: Ct **4**, 11; semellanza coa compracencia do profeta na revelación divina: Ez **3**, 3; Ap **10**, 9ss; por iso é un dos alimentos do Bautista: Mt **3**, 4; Mc **1**, 6.

**Mentira**: Prohibida por Deus: Éx **20**, 16; Lev **9**, 11; Pr **6**, 17-19; **12**, 22; Sab **1**, 11; Eclo **7**, 13; **25**, 4; Os **4**, 2; Ef **4**, 25; Col **3**, 9; promovida polo demo: Xén **3**, 4; Xn **8**, 44; 2Cor **11**, 3; Ap **12**, 9.

**Mestre**: Título dado a Xesús nos Evanxeos: Mt **8**, 19; **9**, 11; **12**, 38; **17**, 24; **19**, 16. 24. 36; **23**, 8; **26**, 18; Mc **4**, 38; **5**, 35; **9**, 17; **12**, 14. 19. 32; **13**, 1; **20**, 35; Lc **3**, 12; **7**, 40; **8**, 49; **9**, 38; **10**, 25; **11**, 45; **12**, 13; **18**, 18; **19**, 36; **20**, 21. 28. 39; **21**, 7; Xn **1**, 39; **3**, 2. 10; **8**, 9; **11**, 28; **13**, 13ss; **20**, 16; recoñecido polo mesmo Xesús: Mt **10**, 24ss; Mc **14**, 14; Lc **6**, 40; mestres do templo: Lc **2**, 46; mestres da comunidade cristiá: Feit **13**, 1; 1Cor **12**, 2. 29; Ef **4**, 11; falsos mestres da comunidade cristiá: 2Tim **4**, 3; título dado ironicamente aos xudeus: Rm **2**, 20; título que se dá Paulo: 1Tim **2**, 7; 2Tim **1**, 11.

**Milagre**: Sinal prodixioso, expresión da intervención divina: Realizados por Moisés: Éx **7**, 1-**11**,10; por Elías: 1Re **17**, 3; **18**, 46; por Eliseo: **3**, 10-20; **4**, 1-8. 15; por Xesús: curación da febre (Mt **8**, 14ss; Mc **1**, 19-31; Lc **4**, 38ss), da lepra (Mt **8**, 1-4; Mc **1**, 40-44; Lc **5**, 12-16; **17**, 1-19), da parálise (Mt **8**, 5-13; **9**, 1-8; **12**, 9-14; Mc **2**, 1-12; **3**, 1-6; Lc **7**, 1-10; **5**, 17-26; **6**, 6-11; Xn **4**, 46-54; **5**, 1-9), de xordomudos (Mt **9**, 32-34; Mc **7**, 31-37), de cegos (Mt **9**, 27-31; **20**, 29-24; Mc **8**, 22-26; **10**, 46. 52; Lc **18**, 35-43; Xn **9**), de epilépticos (Mt **17**, 14-21; Mc **9**, 14-29; Lc **9**, 37-43), de reumáticos (Lc **13**, 10-17), de trastornos no fluxo de humores (Mt **9**, 20-22; Mc **5**, 25-34; Lc **8**, 43-48; **14**, 1-6), de feridas (Lc **22**-50ss), de posuídos do demo (Mt **7**, 24-30; **8**, 28-34; **15**, 21-28; Mc **1**, 21-28; **5**, 25-34; Lc **4**, 31-37; **8**, 26-39), resurrección de mortos (Mt **9**, 18-26; Mc **5**, 21-43; Lc **7**, 11-17; **8**, 40-56; Xn **11**, 1-44), sobre a natureza, calma a tempestade (Mt **8**, 18. 23-27; Mc **4**, 35-41; Lc **8**, 22-25), multiplica os pans (Mt **14**, 13-21; **15**, 32-39; Mc **6**, 31-44; **8**, 9; Lc **9**, 10-17; Xn **6**,

1-15), camiña sobre as augas (Mt **14**, 22-33; Mc **6**, 45-52), pesca do peixe coa moeda na boca (Mt **17**, 24-27), pescas milagrosas (Lc **5**, 1-11; Xn **21**, 1-14), converte a auga en viño (Xn **2**, 1-11), seca a figueira (Mt **21**, 18-22, Mc **11**, 12-14. 20. 24). Os milagres de Xesús manifestan o poder de Deus: Mt **11**, 2-6; Lc **7**, 18-23; Feit **2**, 22; **10**, 38; mostran a superioridade de Deus sobre o demo: Mt **12**, 28; Lc **11**, 20; estes milagres solicitábanse con fe: Mt **13**, 59; Mc **6**, 5, ou eran producidos pola compaixón de Xesús: Mt **9**, 36; **14**, 14; **15**, 32; **20**, 24; Mc **6**, 34; **8**, 2; este poder de facer milagres continuou na primitiva Igrexa, e así se fala no N. T. do don de milagres: Mc **16**, 17. 20; Rm **15**, 19; 1Cor **12**, 12; Gál **3**, 5; 1Tes **1**, 5; Heb **2**, 4.

**Misterio**: No A. T.: Concello de Deus cos profetas e homes píos: Xer **23**, 18. 22; Xob **15**, 8; Sal **25**, 14; Pr **3**, 32; segredo que Deus revela aos profetas: Am **3**, 7; segredo que un lles ha de manter oculto aos homes: Eclo **8**, 18.

No N. T.: aparece a expresión "misterio do reino de Deus" (ou dos ceos), que Xesús confía aos discípulos: Mt **13**, 11; Mc **4**, 11; Lc **8**, 10; o "misterio" de Deus en Xesús Cristo é a salvación de todas as persoas mediante a fe en Cristo resucitado: 1Cor **2**, 1; **4**, 1; Ef **3**, 4; Col **2**, 2; **4**, 4; Ap **10**, 17; a revelación de Xesús Cristo aos xentís para a obediencia da fe: Rm **16**, 25; 1Cor **2**, 1. 7; **4**, 1; Ef **3**, 3. 4. 9; Col **1**, 26; o Misterio da fe que han de gardar os diáconos con conciencia pura é a fe en Xesús Cristo, como revelación dos novos tempos: 1Tim **2**, 9; revelacións cristolóxicas polos profetas e apóstolos do N. T.: 1Cor **13**, 2; **14**, 2; **15**, 5; Ef **3**, 5; revelación da soberanía de Xesús Cristo sobre os seres celestes e terrestres: Ef **1**, 9; o amor matrimonial é sinal revelador do amor de Xesús Cristo á Igrexa: Ef **5**, 32; o misterio do Evanxeo: función salvífica universal de Xesús Cristo: Ef **6**, 19; o Misterio da impiedade (= o Anticristo) demora a Parusía: Col **2**, 7; significación oculta dos símbolos apocalípticos: Ap **1**, 20; **17**, 5. 7.

**Morte**: Lugar ou estado, e mais as personalidades que reinan no mundo dos mortos. A. T.: Divindade mítica cananea que asume a Biblia como personificación do poder mortífero: Xob **18**, 13; Sal **18**, 5; **116**, 3; Pr **13**, 14; Ct **8**, 6; Xer **9**, 20; Os **13**, 14; Hab **2**, 5; en paralelo con xeol (non só lugar, senón personificación do poder que goberna aos mortos): Sal **9**, 14; **107**, 18; Sab **16**, 13; Is **28**, 15; **38**, 18; morte violenta: Xos **2**, 13; 1Sam **15**, 32; **20**, 3; Sal **13**, 14; Is **53**, 9. 12; fillo da morte (que merece morrer): 1Sam **26**, 16; 2Sam **12**, 5; morte como privación da felicidade: Dt **30**, 15; Sal **55**, 5; Pr **5**, 5; **8**, 36; **11**, 19; **12**, 28; **14**, 12; **16**, 25; Eclo **7**, 29; Xer **21**, 8; Xon **4**, 9; a fórmula "deitarse cos pais", como expresión da morte e da sepultura: 2Sam **7**, 12; 1Re **2**, 10; **11**, 21. 43; **14**, 20. 31; **15**, 8. 24; **16**, 6. 28; **22**, 40. 51; 2Re **8**, 14; **10**, 35; **13**, 9. 13; **14**, 16. 29; **15**, 7. 22. 38; **16**, 20; **20**, 21; **21**, 18; 2Cro **9**, 31; **12**, 16; **13**, 23; **16**, 13; **21**, 1; **26**, 23; **27**, 9; **28**, 27; **32**, 33; **33**, 20.

N .T.: A fórmula "deitarse cos pais": Feit **13**, 36; 1Cor **11**, 30; **15**, 6. 18. 20. 51; 1Tes **4**, 13ss; Satanás e o pecado como causas da morte: Xn **8**, 44; Rm **5**, 12. 17; **6**, 23; 1Cor **15**, 21; Heb **2**, 14; a imaxe mítica da morte: 1Cor **15**, 56; Ap **20**, 14; o home pecador está baixo a Morte: Heb **2**, 14; Ap **6**, 8; **8**, 9; **18**, 8; todos teñen que morrer: Mt **4**, 16; Lc **1**, 79; a morte de Cristo, unha morte voluntaria, para o ben da humanidade: Mt **20**, 28; Mc **10**, 45; Lc **22**, 27; Rm **5**, 6-8; 1Cor **15**, 3; 2Cor **5**, 21; Flp **2**, 8; 1Tes **5**, 10; a morte de Xesús reconciliounos con Deus: Rm **5**, 10; e quitoulle todo o poder mortífero ao pecado: Rm **6**, 9ss; **8**, 2. 19-22; a morte, superada pola vitoria de Cristo: 1Cor **15**, 26. 54-56; esta vitoria sobre o pecado e a morte, simbolízase nas resurreccións realizadas durante a vida mortal de Xesús: Mt **9**, 24; Mc **5**, 39; Xn **11**, 13ss. 25ss; Lc **7**, 12. 15; **8**, 52ss; a fe en Xesús supón un pasar da morte á vida: Xn **5**, 24; **8**, 51; **11**, 25; 1Xn **3**, 14; o bautismo é unha morte con Cristo para que a vida de Cristo resucitado medre no bautizado: Rm **6**, 3-5; 2Cor **5**, 14; a morte do cristián, superación do que hai de mortal nel: 2Cor **5**, 1-5; **15**, 51-53; por iso a morte é ganancia e felicidade: Flp **1**, 25; Ap **14**, 13; o cristián non debe ter medo á morte: 1Cor **15**, 57ss; Heb **2**, 14, xa que vivirá para sempre en Cristo: Xn **11**, 25ss.

**Muller**: A. T.: Diferenciada do varón: Xén **2**, 18. 20, pero ante Deus equiparada ao varón: Xén **2**, 22-25; por esta diferenza creacional e natural prohíbese a homosexualidade: Lev **18**, 2; **20**, 13 e o travestismo: Dt **22**, 5; a muller perténcelle ao marido: Éx **20**, 17; Dt **5**, 21. Ela non herda ao marido nin ao pai, a non ser que sexan todas mulleres: Núm **28**, 8; nunca pode ser vendida como escrava: Dt **21**, 5; ao ser repudiada, recupera o dote: Xos **15**, 19; Xuí **1**, 15; é respectada e estimada polo marido: Xén **16**, 4; **29**, 3; **30**, 24; 1Sam **1**, 4-8. 22ss; 2Re **4**, 8-24; **31**, 1ss; equiparada ao marido no respecto dos fillos: Éx **20**, 21; **21**, 17; Lev **20**, 9; Dt **21**, 18-21; **27**, 16; Pr **16**, 26; **20**, 20; **23**, 22; **30**, 17; Eclo **3**, 1-16. Deus é testemuña da alianza matrimonial: Xén **2**, 22ss; Mal **2**, 14ss.

N. T.: Xesús trata en público coas mulleres: Mt **26**, 7; Mc **14**, 3; Lc **7**, 35-50; **10**, 38ss; Xn **4**, 27;

**8**, 3-11; cúraas: Mt **8**, 14; **9**, 20; **15**, 22; Mc **1**, 30ss; **5**, 25; **7**, 25; Lc **4**, 38ss; **8**, 2. 43; **13**, 11; permite que o sigan como discípulas: Lc **8**, 1-3; **23**, 55; encárgalle a María Magdalena a misión do anuncio pascual: Xn **20**, 17; propón as mulleres como exemplo: Mt **13**, 33; Lc **15**, 8; admira a fe delas: Mt **15**, 28; Lc **15**, 28ss, e tamén a súa relevancia na Paixón e na sepultura de Xesús: Mt **27**, 55. 61; **28**, 1-8; Mc **15**, 40. 47; **16**, 1-8; Lc **23**, 49. 55; **24**, 1-10. As mulleres teñen gran relevancia na primitiva comunidade: Feit **1**, 14; **5**, 14; **9**, 36. 41; **12**, 12; **16**, 14; **18**, 26; 1Tim **3**, 11; **5**, 1ss; Tit **2**, 3; 1Pe **3**, 1. Funcións propias delas na primitiva comunidade: as diaconisas (Rm **16**, 1) e as viúvas (1Tim **5**, 3. 9). A muller é igual ao home: Gál **3**, 28; 1Tim **2**, 9; o exemplo de Cristo ceibe pode invitalas á virxindade: 1Cor **7**, 8. 25-40; a muller ha de vivir submisa ao pai e ao marido: 1Cor **7**, 36-38; **11**, 3. 7; Ef **5**, 22ss; Col **3**, 18; Tit **2**, 5; 1Pe **3**, 1; a Igrexa represéntase baixo a imaxe de muller: Ap **12**; **19**, 7ss; **21**, 2. 9.

**Murmuración**: De Israel no deserto: Éx **14**, 11; **15**, 24; **16**, 2. 7ss; castigos de Deus pola murmuración: Núm **11**, 1-3; **12**, 1-14; **14**, 1-45; os xudeus murmuran de Deus: Lc **15**, 2; **19**, 7; Xn, 41; hai que ter coidado coa murmuración: Sab **1**, 11; 2Cor **10**, 16; Xds 16.

**Nome**: No A. T. equivalía á realidade do ser. "Poñer o nome" ten sentido de posesión: Xén **2**, 19ss; Éx **3**, 13-15; **33**, 12. 17.

*O nome das persoas* era un xeito de perpetuar as emocións do seu nacemento: Xén **4**, 1; **29**, 31-**30**, 24; **35**, 18; Éx **25**, 26; **27**, 36; Os **12**, 4; os nomes simbólico-proféticos dos fillos de profetas eran continuidade da proclamación da mensaxe profética: Is **7**, 3; **8**, 3; os nomes de animais impostos ás persoas eran optativos das boas calidades do animal. O cambio de nome é cambio de realidade ou do ser do individuo: Xén **17**, 5; **35**, 10; 2Re **24**, 17; Is **62**, 2; **65**, 15.

*Nome de Deus* ou de Iavé equivale ao seu dinamismo salvífico, pois El mesmo pon o seu nome no lugar de culto: Dt **12**, 5. 11; **14**, 23; 1Re **8**, 29; 2Re **25**, 27; o pobo ha de amar o nome de Deus: Sal **5**, 12; **119**, 132, buscalo: Sal **83**, 17, bendicilo: Sal **73**, 19; **99**, 3; **113**, 1; dábase a bendición co Nome de Iavé: Dt **18**, 8; **21**, 5; 2Sam **6**, 18; a axuda para o aflixido está no Nome de Iavé: Sal **20**, 2. 8; **33**, 21; **44**, 6; **89**, 25; **124**, 8; Is **30**, 27; confíase no Nome de Iavé: Sal **50**, 10; o dinamismo da palabra profética débese a que o enviado fala no Nome de Iavé: Xer **11**, 21; **26**, 9. 16. 20; **44**, 16.

*Nome de personaxes poderosos*: Reis: Dt **18**, 20; 1Sam **25**, 9; 1Re **21**, 28; na Galilea do s. I o termo "Nome" ponse as veces no sitio de Iavé para non pronunciar o que era sagrado.

No N. T. "Nome" é título de Xesús na súa resurrección e glorificación: Flp **2**, 9ss; Heb **1**, 4; 1Xn **2**, 12; 3Xn 7; Ap **2**, 3. 13; **3**, 8. 12 (nome novo); **19**, 12. 13. 16; Xesús revela o Nome do Pai: Xn **17**, 6. 26; Feit **9**, 15; na comunidade profetízase, expúlsanse demos, fanse milagres no Nome de Xesús: Mt **7**, 22; Mc **9**, 28ss; **16**, 17; Lc **9**, 49; **10**, 17; Feit **3**, 6; **4**, 10. 12. 30; **16**, 18; cf Feit **3**, 16; os discípulos son odiados por causa do Nome de Xesús: Mt **10**, 22; **24**, 9; Mc **13**, 13; Lc **21**, 12. 17; Xn **15**, 21; Feit **5**, 41; **9**, 16; cren no Nome de Xesús: Xn **1**, 12; **2**, 23; **3**, 18; Feit **3**, 16; 1Xn **3**, 23; **5**, 13; predican a conversión no Nome de Cristo: Lc **24**, 47; os cristiáns han de rezar e pedir no Nome de Xesús: Mt **18**, 20; Xn **14**, 13ss; **15**, 16; **16**, 23ss. 26; Feit **9**, 14. 21; invocan o Nome do Noso Señor Xesús Cristo: 1Cor **1**, 2; Xesús manda acoller aos nenos no seu Nome: Mt **18**, 5; Mc **9**, 36; Lc **9**, 48; e desprenderse dos bens polo Nome de Xesús: Mt **19**, 29; no *Nome de Xesús Cristo* (Feit **8**, 12), bautízase: Feit **2**, 38; **8**, 16; **10**, 48; **19**, 5. 13; **22**, 16; 1Cor **6**, 11, perdóanse os pecados: Feit **10**, 43, celébrase a Eucaristía: Ef **5**, 20, recíbese o mandato apostólico: Rm **1**, 5, estase disposto a morrer: Feit **21**, 13 e en xeral hase facer todo nese Nome: 1Cor **1**, 9; 2Tes **3**, 6. O Nome, e a gloria de Xesús: 1Tes **1**, 12; o Nome de Deus é Deus mesmo e o seu obrar salvífico: Heb **2**, 12; **6**, 10; **13**, 15; St **2**, 7; **5**, 14; 1Pe **4**, 16; os profetas falaron no Nome do Señor: St **5**, 10; os cristiáns no ceo teñen escrito na fronte o Nome do Año e do Pai: Ap **14**, 1.

**Novo**: No A. T.: No sentido de especial valor e significación, dise dun canto de loanza: Sal **33**, 3; **40**, 4; **96**, 1; **98**, 1; **144**, 9; **149**, 1; Is **42**, 10; da alianza que se espera nun futuro salvífico: Xer **31**, 31; "Ceos novos e terra nova": Is **65**, 17; **66**, 22; nome novo: Is **62**, 2; espírito novo: Ez **11**, 19; **18**, 31; **36**, 26; corazón novo: Ez **18**, 31; **36**, 26.

No N. T.: Cristo, ao resucitar, convértese no Home novo: Ef **2**, 15, que fai aos crentes homes novos tamén: Ef **4**, 24; Col **3**, 10; Heb **6**, 6; o seu sangue é sangue da Nova Alianza: Lc **22**, 20; 1Cor **11**, 25; 2Cor **3**, 6; Heb **8**, 8. 13; **9**, 15; **12**, 14; a Nova Alianza ten un novo mandamento: Xn **13**, 34; 1Xn **2**, 7ss; 2Xn 5; con el todo queda renovado: Ap **21**, 5; hai unha nova creación: 2Cor **5**, 17; Gál **5**, 15, unha nova vida: Rm **6**, 4, que é obra da novidade do Espírito: Rm **7**, 6; Tit **3**, 5; o ensino de Xesús é novo: Mc **1**, 27; Feit **7**, 19. 21; cómpre renovar o home interior co Espírito: 2Cor **4**, 16; Col **3**, 10; este home

recibiu un nome novo: Ap **2**, 17; **3**, 12; toda a Igrexa suspira polos novos ceos e a nova terra: 2Pe **3**, 13; Ap **21**, 1, pola Xerusalén celeste: Ap **3**, 12; **21**, 2, onde os discípulos beberán o viño novo: Ap **5**, 9; **14**, 3.

**Obediencia**: A obediencia a Deus: Éx **19**, 5; 1Sam **15**, 22; escoitar a súa voz: Dt **4**, 30; Dt **30**, 2. 8. 10; Xos **24**, 24; Xer **7**, 23; cumprir os mandatos divinos: Dt **30**, 16; 2Mac **7**, 30; Xesús veu cumprir a vontade do Pai: Mt **26**, 39. 42; Heb **5**, 8; **10**, 7; obedécenlle a Xesús o vento e o mar: Mc **1**, 27; a obediencia cristiá, semellante á de Cristo: Ef **6**, 6-8; os cristiáns acadarán a promesa divina, se cumpren a vontade de Deus: Rm **6**, 16; Heb **10**, 36; obediencia a seres humanos: Xén **28**, 7; **49**, 10; Xos **1**, 17; Est **2**, 20.

**Oración**: Nas comidas: Mt **15**, 36; Mc **8**, 6; Feit **27**, 35; 1Cor **10**, 30; en certos momentos importantes: Feit **3**, 1; **10**, 30; de pé: Mc **10**, 25; Heb **10**, 11; de xeonllos: Lc **22**, 41; Feit **7**, 60; **9**, 40; **20**, 36; Flp **2**, 10; deitados no chan: Mc **14**, 35; coas mans ergueitas: 1Tim **2**, 8; rezar sempre: Lc **18**, 1; sen lugar determinado: Mc **1**, 35; na propia casa: Mt **6**, 6; no lugar da xuntanza: Feit **4**, 31; a novidade cristiá da oración é a oración polos inimigos: Mt **5**, 44; a insistencia especial na acción de grazas: Flp **4**, 6; 1Tim **2**, 1 e na oración do "Noso-Pai": **6**, 9-13; Lc **11**, 2-4 o cristián pode chamar "papá" a Deus: Mc **11**, 2; Lc **14**, 36; Rm **8**, 15; Gál **4**, 6, e pode estar seguro de ser escoitado: Mt **7**, 7; Mc **11**, 23ss; Xn **14**, 13; **15**, 16; **16**, 23-26.

**Pagáns**: ver **Gregos**.

**Palabra** (ou cousa, asunto): Decretos do rei: 1Cro **21**, 4. 6; Est **1**, 12; Ecl **8**, 4; ordes doutras persoas: Xén **44**, 2; **47**, 30; Éx **8**, 9. 27; **12**, 35; **32**, 28; Lev **10**, 7; Xuí **11**, 10; Esd **10**, 5; Neh **5**, 12ss; relato: Éx **33**, 4; 1Re **20**, 12; consello: Núm **31**, 16; Xuí **20**, 7; 2 Sam **19**, 44; Est **5**, 5; promesa: Núm **30**, 3; Neh **5**, 13; de Deus: os Mandamentos: Éx **16**, 16. 32; **35**, 4; Lev **8**, 5; **17**, 2; Núm **30**, 2; **36**, 6; Dt **4**, 2; **13**, 1; os oráculos proféticos: 1Sam **15**, 10; 2Sam **7**, 4; 1Re **6**, 11; **13**, 20; **16**, 1; **17**, 28; **21**, 17. 28; Xon **1**, 1; **3**, 1; Ax **2**, 20; Zac **4**, 8; **6**, 9; **7**, 4. 8; **8**, 1; as promesas de axuda ou confianza: Dt **9**, 5; 1Sam **1**, 23; 1Re **2**, 4; **6**, 12; **8**, 20; Is **29**, 10; **33**, 14; Deus manda a súa palabra: Sal **107**, 20; **147**, 18; Is **9**, 7; Xer **2**, 31; **38**, 21; **42**, 5; a palabra de Deus permanece para sempre: Sal **119**, 89; Is **40**, 8; Deus creou os ceos coa súa palabra: Sal **33**, 6; cf Xén **1**, 33ss; a palabra de Deus é viva e eficaz: Heb **4**, 12; promete a salvación a quen se dirixe, e comunícalla: Feit **13**, 36; Xesús, o profeta escatolóxico, proclama a palabra de Deus: Mt **5**, 18. 26; **5**, 22. 28. 32. 34. 39. 44; **6**, 2. 5. 29; **8**, 10. 11; **10**, 15. 23. 42; **11**, 11; **12**, 6. 36; **13**, 17; **16**, 28; **17**, 12. 20; **18**, 3. 13. 18. 19; **19**, 23. 28; **21**, 21; **23**, 36; **24**, 2; **24**, 47; **25**, 12. 40; **26**, 13. 21. 34; Xn **3**, 5. 11; **5**, 19. 24ss; **6**, 26. 32. 47. 53; **8**, 34. 51. 58; **10**, 1. 7; **12**, 24; **13**, 16. 20. 21. 38; **14**, 12; **16**, 20. 23; **21**, 18; a súa palabra fai milagres: Mt **8**, 8. 16; Xn **4**, 50-53, perdoa os pecados: Mt **9**, 1-7; Mc **2**, 3-12; Lc **5**, 18-25, transmite o seu poder persoal: Mt **18**, 18; Xn **20**, 23; ante a súa palabra, os homes deben decidirse a favor ou en contra: Mt **7**, 24-27; **13**, 23; a predicación dos ministros da palabra é palabra de Deus: Feit **4**, 29. 31; **6**, 2. 7; **8**, 14; **11**, 1; **12**, 24; **13**, 5. 7. 44. 46. 48; **16**, 32; **17**, 13; **18**, 11; 1 Cor **14**, 36; 2 Cor **2**, 17; **4**, 2; Flp **1**, 14; Col **1**, 25; 1Tes **2**, 13; 2Tim **2**, 9; Tit **2**, 5; 1Pe **1**, 23; 1Xn **1**, 10; **2**, 14; a palabra pola que Deus fixo todo: Xn **1**, 1-3; cf Pr **8**, 22-31; Eclo **24**, 7-19, que se fixo carne e nos revelou a súa gloria: Xn **1**, 14ss.

**Paz**: No A. T.: Saúde, prosperidade, fortuna. Expresión de saúdo, ou despedida: Xén **28**, 21; **37**, 14; **43**, 23. 27; Éx **4**, 18; **18**, 7. 23; Xos **10**, 21; Xuí **6**, 23; **18**, 6. 15; **19**, 20; 1Sam **10**, 4; **17**, 18. 22; **20**, 42; **25**, 5. 35; **30**, 31; 2Sam **8**, 10; 2Re **5**, 19; **10**, 13; Est **2**, 11; prosperidade e seguridade pública: Núm **6**, 26; Dt **23**, 7; 2Re **20**, 19; Sal **122**, 6ss; Pr **3**, 17; Is **45**, 7; **48**, 22; Xer **29**, 7; **38**, 4; Ez **13**, 16; ausencia de litixios e loitas entre cidades ou pobos: Xén **26**, 6; Dt **2**, 26; **20**, 21; Xos **9**, 15; Xuí **4**, 17; **11**, 13; **21**, 13; 1Sam **7**, 14; 1Re **2**, 5; **5**, 26; 2Re **20**, 19; Est **9**, 30; Is **33**, 7; **39**, 8; Xer **12**, 5; **14**, 13; **33**, 6; Nah **2**, 1; Zac **6**, 13; ausencia de litixios entre individuos: Xén **26**, 29. 31; **37**, 4; 2Sam **3**, 21; 1Re **20**, 18; Xob **15**, 21; Sal **28**, 3; **34**, 15; **35**, 20; **37**, 37; **41**, 10; **120**, 6ss; Pr **12**, 20; Xer **9**, 7; **20**, 10; **38**, 22; conxunto de bens que se ofrecerán aos homes na era mesiánica: Sal **29**, 11; **37**, 11; **72**, 3. 7; **85**, 9; **119**, 165; **125**, 5; **128**, 6; **147**, 14; Is **9**, 5; **26**, 3. 12; **32**, 17ss; **52**, 7; **54**, 10; **57**, 19; **60**, 12; Ax **2**, 9; Zac **9**, 10; alianza de paz mesiánica: Is **54**, 10; Ez **34**, 25; **37**, 26.

No N. T.: Posesións de bens: Lc **11**, 21; Feit **24**, 2; ausencia de guerra: Lc **14**, 32; Feit **12**, 20; Ap **6**, 4; ausencia de desorde: 1Cor **14**, 33; harmonía e bo entendemento: Mc **9**, 50; Feit **7**, 26; Rm **12**, 18; Ef **4**, 3; St **3**, 18; Deus establece o seu Reino por medio da paz: Rm **14**, 17; 2Cor **13**, 11 (cf Sal **85**, 9-14); o Mesías é o príncipe da paz: Lc **1**, 79; **2**, 14; **19**, 42; Feit **10**, 36; Ef **2**, 17; **6**, 15 (cf Is **9**, 5ss); o sangue expiatorio de Cristo establece a paz: 2Cor **5**, 18-20; Ef **2**, 14-22; Col **1**, 20; Ap **1**, 4; a paz do Reino non é a paz do mundo: Mt **10**, 34; Lc **12**, 51; Xn **14**,

27; a paz do Reino dáse mesmo na persecución (Xn **16**, 33), pois é froito do Espírito Santo: Xn **20**, 19-23; Gál **5**, 22; o cristián debe ser artífice da paz (Mt **5**, 9); Paulo deséxaa nas súas cartas: Lc **7**, 50; **10**, 5; Rm **1**, 7; 1Cor **1**, 3; 2Cor **1**, 2; Gál **1**, 3; Ef **1**, 2; Col **3**, 15; 1Pe **1**, 2; **5**, 14.

**Pecado**: No A. T.: Fracaso da vida do home: Xuí **20**, 16; Xob **5**, 24; Pr **8**, 35ss; supón unha oposición á convivencia: Xén **20**, 9; **31**, 36; **40**, 1; **42**, 22; **50**, 17; Éx **5**, 16; 1Sam **19**, 4ss; **24**, 12; **26**, 21; 2Re **18**, 14; **21**, 17; poder demoníaco que axexa ao home: Xén **4**, 7, e que o mesmo home pode levar consigo: Xén **20**, 9; Éx **32**, 21; que aparece asociado á morte: Éx **10**, 17. Esta culpabilidade, chea de desgraza, é visible para Deus: 1Sam **2**, 17, provoca a súa ira: Dt **15**, 9; **23**, 22; 1Re **8**, 46 e o seu correctivo: Éx **32**, 30-32. 34; Os **8**, 11; **9**, 9. O home debe recoñecer diante de Deus o seu pecado: Xos **7**, 20; 2Sam **7**, 5ss; **12**, 13; 2Cro **6**, 36; Dn **9**, 15; lamentacións colectivas e individuais, para provocar a conversión e acadar o perdón: Sal **25**, 7. 18; **38**, 1. 5; **51**, 5. 11; **79**, 9; **85**, 3; **109**, 14; os profetas denuncian o pecado do pobo: Xer **3**, 25; **5**, 25; **14**, 10. 20; **16**, 18; **17**, 3; **40**, 3; **50**, 7; Ez **16**, 51; Os **4**, 8; **8**, 13; **9**, 9; **10**, 9; Miq **6**, 7; Deus rexeita o culto sen conversión: Is **5**, 18; **30**, 1; Xer **2**, 35; **14**, 7; **16**, 105; **17**, 1. 3; **32**, 35; **40**, 3; **44**, 23; Os **10**, 8.

No N. T.: O pecador é un home á marxe da Alianza: Mt **9**, 10; **26**, 45; Mc **2**, 15; **14**, 41; Lc **5**, 30; **6**, 32-34; **15**, 1ss; **19**, 7; **24**, 7; Gál **2**, 15, que non observa a Lei: Mt **9**, 13; **15**, 3; **19**, 17-19; Mc **2**, 17; **10**, 19; Lc **5**, 32; **11**, 42; **13**, 2; **18**, 20; Xesús denuncia o pecado: Mt **5**, 27ss; **6**, 22; **15**, 1-20; Mc **7**, 1-23; Deus está disposto a perdoar: Lc **11**, 4; **15**, 1-32; **18**, 13; é considerado cos pecadores: Mt **11**, 19; Lc **7**, 34; **15**, 1ss; **19**, 7; Xesús perdoa os pecados: Mt **9**, 2. 5; Mc **2**, 5. 7. 9ss; Lc **5**, 20. 21. 23. 24; **7**, 37-50; **19**, 9; Xn **5**, 14; **8**, 11; o seu sangue limpa os pecados: Mt **26**, 28; Lc **24**, 47; Feit **2**, 38; **5**, 31; **10**, 43; **13**, 38; **26**, 18; soamente non se perdoa o pecado contra o Espírito Santo: Mt **12**, 31; Mc **3**, 28ss. O crente tamén debe perdoar: Mt **18**, 15. 21; Lc **17**, 3ss; a Lei mosaica non preserva do pecado, senón que o aumenta: Rm **3**, 20; 1Cor **15**, 56; Gál **3**, 19; Adán foi o primeiro pecador: Rm **5**, 12-21; **7**, 8-13; St **1**, 15; todos os homes pecaron: Rm **3**, 23; Xesús morreu polos nosos pecados: Rm **5**, 8; 1Cor **15**, 3; Gál **1**, 4; Col **1**, 14; 1Tim **1**, 15; Tit **2**, 14; Heb **9**, 15; 1Pe **3**, 18, e líbranos deles: Rm **8**, 2ss; 2Cor **5**, 21; Heb **1**, 3; **2**, 17; **4**, 15; **5**, 1; **7**, 26ss; **9**, 26; 1Pe **2**, 22. 24; **4**, 1. O cristián polo bautismo morre ao pecado, pero debe actualizar a diario esa morte: Rm **6**, 1-22; **8**, 1. O pecado vén do mesmo demo, inimigo de Deus: Xn **8**, 44; 1Xn **3**, 8; e Xesús, ao vencer o demo, líbranos do pecado: Xn **1**, 19; **12**, 31ss; **16**, 11. 33; 1Xn **1**, 7-10; **2**, 12; **3**, 5; **4**, 10; Ap **1**, 5; o pecado é amar as tebras e fuxir da luz: Xn **1**, 5; **3**, 19; **9**,41.

**Pobreza**: No A. T.: Confianza en Deus nunha situación de carencia: Sal **3**, 4; **9**, 13. 19; **10**, 2.1 7; **22**, 25; **25**, 9. 16; **34**, 3. 7; **40**, 18; **68**, 11; **74**, 21; Is **14**, 32; **49**, 113; oposta á ruindade: Sal **37**, 11; **147**, 6; Pr **3**, 34; **16**, 19; sinónimo dos piadosos orantes que buscan a Iavé: Sal **18**, 28; **22**, 27; **37**, 16ss; **69**, 33; Is **26**, 6; **62**, 2; Sof **3**, 12; Zac **9**, 9.

No N. T.: Calidade de Xesús: Mt **11**, 29; Lc **1**, 52; **21**, 5; calidade do novo pobo, salvado por Cristo: Lc **1**, 52; Rm **12**, 16; 2Cor **7**, 6; St **1**, 9; 1Pe **3**, 4; calidade modélica de Paulo: 2Cor **10**, 1; Deus concede o seu favor aos pobres: Mt **5**, 3; St **3**, 34; cf Sal **3**, 34 e 1Pe **5**, 5.

**Redención**: Deus manda a redención ao seu pobo: Sal **111**, 9; **130**, 7; o rescate que fai algún home: Xer **32**, 8; esperanza de redención de Israel: Lc **2**, 38; **24**, 21; a redención de Xesús: Lc **1**, 68; vinculada á súa morte: Mt **20**, 28; Mc **10**, 45; Ef **1**, 7; Tit **2**, 14; Heb **9**, 12. 15; 1Pe **1**, 18-19; relación co amor de Deus e co perdón dos pecados: Col **1**, 14; Tit **2**, 14; Heb **9**, 12. 15; relación con Xesús Cristo resucitado e co Espírito: Rm **3**, 24; 1Cor **1**, 30; Ef **1**, 14; os froitos da redención ao remate dos tempos: Lc **21**, 28; Rm **8**, 23.

**Redentor** (Redención): No A. T.: O familiar máis achegado, con certos dereitos ou obrigacións: Lev **25**, 25-34; Rut **2**, 20; **3**, 12; **4**, 4; Xer **32**, 6ss; un hebreo vendido como escravo a un estranxeiro: Lev **25**, 47-54; a vinganza do sangue: Núm **35**, 12. 19-27; Dt **19**, 6. 12; Xos **20**, 2. 5. 9; 2Sam **14**, 11; en sentido teolóxico: Deus, "redentor" do orfo e da viúva: Pr **23**, 11; Xer **50**, 34; rescata a vida do orante en perigo: Xob **19**, 25; Sal **119**, 154; Lam **3**, 53. 55. 58; rescata o seu pobo de Exipto: Éx **6**, 6; **15**, 18; Sal **74**, 16; **106**, 10; Is **43**, 1; **44**, 22; **48**, 20; **51**, 10; **52**, 9; de Babilonia: Miq **4**, 10; dos inimigos: Xer **3**, 11; doutros perigos: Sal **69**, 14ss; da morte: Sal **103**, 4; Is **63**, 9; Os **13**, 14. Epíteto de Iavé: Xob **19**, 25; Sal **19**, 15; **78**, 35; Is **41**, 14; **43**, 14; **44**, 6; **47**, 4; **48**, 17; **49**, 7ss. 26; **54**, 5; **60**, 16.

No N. T.: Esperanza de redención de Israel: Lc **2**, 38; **24**, 21; a redención de Xesús: Lc **1**, 68; vinculada á súa morte: Mt **20**, 28; Mc **10**, 45; Ef **1**, 7; Tit **2**, 14; Heb **9**, 12. 15; 1Pe **1**, 18; relación co amor de Deus manifestado na morte de Cristo, e co perdón dos pecados: Col **1**, 14; Tit **2**, 14; Heb **9**, 12. 15; en relación con Xesús Cristo resucitado: Rm **3**, 24; 1Cor **1**, 30; e coa

acción santificadora do Espírito Santo: Ef **1**, 14; os froitos da Redención ao remate dos tempos: Lc **21**, 28; Rm **8**, 23.

**Rei-Reino**: A. T.: Título que expresa unha función de protección, axuda e auxilio, especialmente do débil e desprotexido: 1Sam **8**, 1-9; título de Iavé: Núm **23**, 21; Dt **33**, 5; 1Sam **12**, 12; Sal **5**, 3; **24**, 7-10; **29**, 10; **44**, 5; **47**, 3. 7ss; **48**, 3; **68**, 3. 25; **74**, 12; **84**, 4; **95**, 3; **98**, 6; **145**, 1; **149**, 2; Is **6**, 5; **33**, 22; **41**, 21; **43**, 15; Xer **8**, 19; **10**, 7; **11**, 10; **46**, 18; **48**, 15; **51**, 57; Miq **2**, 13; Sof **3**, 15; Zac **14**, 9. 16; Mal **1**, 14; Reino de Iavé: Sal **103**, 19; **145**, 11-13; 1Cro **17**, 14; **28**, 5; Iavé, Rei do mundo: Éx **15**, 18; Sal **47**, 3-9; **93**, 1; **96**, 10; **97**, 1; **99**, 1; futuro Rei mesiánico: Is **32**, 11; Xer **23**, 5; **30**, 9; Ez **37**, 24; Os **3**, 5.

N. T.: O Reino de Deus, realización do ideal de xustiza pretendido en Israel, en favor dos pobres, que o esperan todo de Deus: Mt **5**, 3; Lc **6**, 20; dos perseguidos pola súa fidelidade a Deus Mt **5**, 10; dos aflixidos, dos non violentos: Mt **5**, 4-11; Lc **6**, 20-21; dos cegos, coxos, leprosos, xordos, etc., beneficiarios da actividade milagrosa de Xesús (cf Milagre). Este reino ten dúas etapas: unha histórica, que vai medrando: Mt **7**, 13-14; **13**, 24-29. 31-33. 36. 38. 47-48; **18**, 8. 9. 21. 28-29; **19**, 17; **20**, 1; **21**, 28. 29; **23**, 13; **25**, 15-17 paral.; Mc **10**, 15; Lc **13**, 24; **19**, 13; e outra futura, non conseguible polas soas forzas humanas: Mt **13**, 30. 39-43. 48-50; **21**, 11-13; **25**, 10-11; Lc **13**, 25; combinación dos dous aspectos nalgunhas parábolas: Mt **13**, 24-30. 39-43. 48-50; **18**, 23-35; **22**, 10-13; **25**, 1-13; Lc **19**, 11-27; o Reino comeza coa mensaxe de Xesús: Mt **13**, 24. 37; Mc **4**, 26, e vai medrando cos seus feitos, opostos ao reino do maligno: Mt **12**, 26. 28; Lc **10**, 18; **11**, 19; o progreso do Reino depende da resposta dos homes: Mc **10**, 15.

**Resurrección**: Pertence ás categorías antropolóxicas do A. T. (cf Ez **37**, 1-13), aínda que a fe dos hebreos na resurrección non é anterior ao s. II a. C.: cf 2 Mac **7**, 11. 14; **12**, 43-44; Dn **12**, 2; compre distinguir a resurrección, do retorno á vida terreal dalgúns mortos: 1Re **17**, 17-24; 2Re **4**, 31-37; Mt **9**, 18-26; Lc **7**, 11-17; Xn **11**, 17-45; Feit **9**, 36-43; Xesús non resucita deste xeito, senón cun "corpo espiritual": 1Cor **15**, 44. 46; Xesús anuncia a súa resurrección: Mt **16**, 21; **17**, 19. 22; **20**, 19; **26**, 32; **27**, 36; os discípulos comproban o feito da resurrección de Xesús: Mt **28**, 1-20; Mc **16**, 1-20; Lc **24**, 1-53; Xn **20**, 1-21. 25; a resurrección de Xesús é sinal e proba da nosa futura resurrección: 1Cor **15**, 22-34.

**Sabedoría**: A. T.: Coñecemento de determinada arte: Dt **1**, 13-15; **16**, 19; Ecl **2**, 19; Xer **9**, 22; Ez **28**, 4; propia do gobernador ou ministro-conselleiro da monarquía: Pr **12**, 15. 18; **13**, 1. 14; **15**, 2. 7. 21; **16**, 21; **28**, 8. 11; Ecl **9**, 17; **10**, 12; **12**, 1; Xosé, modelo de sabio que aconsella: Xén **41**, 25-39; Salomón, modelo de rei sabio: 1Re **5**, 9-14; **10**, 1-13 e do sabio xuíz: **3**, 4-28; Daniel, un sabio adiviño: Ez **14**, 14. 20; Dn **2**. **4** ss; atributo polo que Deus creou e rexe todas as cousas: Xob **12**, 12; Sal **104**, 24; **147**, 5; Pr **3**, 19; Ecl **1**, 13; Deus comunícallela aos homes, converténdoos en amigos seus e profetas: Pr **8**, 31; Sab **7**, 27-30; pódese conseguir tamén polo estudo da natureza e pola meditación da palabra divina: Dt **4**, 6; 1Re **4**, 29-34; Pr **2**, 6; Eclo **24**, 13; Bar **3**, 37; a súa adquisición arrinca do temor do Señor ou relixiosidade: Sal **111**, 10; Pr **1**, 7; **9**, 10; **14**, 27; Eclo **1**, 16; hipostatización da Sabedoría: Pr **8**, 14-16; Sab **7**, 24-26; Eclo **24**, 5.

N. T.: Misteriosa orixe da sabedoría de Xesús: Mt **13**, 54; Mc **6**, 2; Xesús é superior a Salomón, o prototipo do sabio: Lc **11**, 31; Xesús é identificado coa sabedoría: Mt **11**, 19; Lc **7**, 35; Xesús Cristo crucificado é a sabedoría de Deus: 1Cor **1**, 24. 30; **2**, 6-16; en Cristo están escondidos todos os tesouros da sabedoría e do coñecemento: Col **2**, 3; a salvación de xudeus e pagáns por Cristo demostra a infinita sabedoría de Deus: Rm **11**, 33; o Año (= Cristo morto e resucitado) é merecente de recibir a sabedoría: Ap **5**, 12 (himno); Xesús é o autor da inspiración sapiencial para os cristiáns perseguidos: Lc **21**, 15; a obra salvífica de Deus maniféstase na sabedoría e intelixencia dos cristiáns: Ef **1**, 8. 17; **3**, 10; Col **1**, 9; os predicadores cristiáns (diáconos) están cheos de Espírito e de sabedoría: Feit **6**, 3. 10; Paulo ensina con sabedoría, buscando a perfección de todo home: Col **1**, 28; a verdadeira sabedoría dáa o Espírito: 1Cor **2**, 10-16; **12**, 8; a sabedoría cristiá inclúe os coñecementos proféticos: Ap **13**, 18; **17**, 9; a sabedoría hase pedir a Deus: St **1**, 5; **3**, 17; 2Pe **3**, 15; certa sabedoría non vén de arriba: St **3**, 15.

**Sacerdocio**: A. T.: Antes de Moisés era función do xefe da tribo ou da familia: Xén **8**, 20; **15**, 9; **22**, 13; **31**, 54; Éx **19**, 22. 24; **29**, 1. O sacerdocio de Leví e dos seus descendentes: Éx **32**, 25-29; Núm **3**, 6-10; Dt **33**, 8-11; ritual da consagración dos sacerdotes, feito por David: 1Cro **24**, 1-19; a Lei da santidade ritual dos levitas: Lev **21**, 1-9; o sacerdocio despois da catividade babilónica: Esd **2**, 36-39. 61-63; **8**, 15-20; Neh **7**, 39-42; **11**, 10-14; **12**, 1-12; **13**, 28-29; xuízo negativo dos profetas referente aos sacerdotes: Is **28**, 7; Xer **5**, 31; **6**, 13; **8**, 10; **13**, 13; **20**, 1; Ez **22**, 26; Os **4**, 4ss; **5**, 1ss; Am **7**, 10ss; profecías referentes ao sacerdocio na era mesiánica: Xer **31**, 14; **33**, 20; Ez **43**, 19-27; **44**, 15-31.

N. T.: Fin da institución sacerdotal xudía, con Xesús, Sumo Sacerdote ao xeito de Melquisedec: Heb **7**, 11-24; Xesús ofreceuse como sacrificio perfecto: Ef **5**, 2; Heb **9**, 14; o pobo cristián, pobo sacerdotal por Cristo e en Cristo: 1Ped **2**, 5. 9; Ap **1**, 6; **5**, 10; **20**, 6; a ofrenda da vida cristiá como culto espiritual: Rm **12**, 1; Flp **2**, 17; **4**, 18; Heb **13**, 5ss.

**Sacrificios**: Diversos tipos de sacrificios: Lev **1**-7; como facer o sacrificio ou as ofrendas na Terra Prometida: Núm **15**, 1-16; os dereitos sacerdotais nos sacrificios: Dt **18**, 1-3; sacrificios a Dagón: Xuí **16**, 23; o sacrificio anual de Elcaná e a súa familia: 1Sam **1**, 21; o sacrificio diario: Xer **33**, 18; sacrificios nos outeiros: 1Sam **9**, 12; O sacrificio, ambiente vital dos pronunciamentos divinos: 1Sam **16**, 3; non todos os sacrificios agradan a Deus: Sal **51**, 18-19; os sacrificios da Antiga Lei: Heb **5**, 1. 3; **7**, 27; **8**, 3; **9**, 9; **10**, 1ss; os sacrificios que agradan a Deus: Sal **51**, 19; **116**, 17; Heb **10** , 5ss; **13**, 16; 1Pe **2**, 5; Deus prefire o amor e a misericordia, ao sacrificio: Os **6**, 6; Mt **9**, 13; **12**, 7; Mc **12**, 33; o sacrificio de Cristo: Heb **9**, 14. 26; **10**, 12. 18. 26; 1Xn **2**, 2; **4**, 10.

**Seguir, seguimento**: A. T.: (Ir tras de...). Tras os ídolos: Dt **4**, 3; Am **2**, 4; tras outros deuses: Dt **28**, 14; Xuí **2**, 19; **11**, 10; seguir e servir a outros deuses: Xos **23**, 16; 1Re **9**, 6; 1Cro **7**, 19; o corazón do pobo vaise tras os ídolos: 1Re **11**, 10; Ez **20**, 6; **33**, 31; a Iavé haino que seguir con rectitude de corazón: 1Re **14**, 8; Xer **2**, 23; seguir a Iavé é sinónimo de coñecer as súas leis e preceptos: Xer **44**, 10; Ez **5**, 6; **20**, 13. 16. 21. N. T.: No sentido real de seguir a Xesús como discípulo ou como oínte esporádico: Mt **4**, 20; **8**, 1; **9**, 9ss; no sentido metafórico-espiritual do seguimento de Xesús: Xn **21**, 19-22; Feit **5**, 37; **20**, 30; 1Tim **5**, 15; 2Pe **2**, 10; Xds 7; Ap **13**, 3; **19**, 14; Xesús chama os homes ao seu seguimento: Mt **4**, 19; **9**, 9; **19**, 21; Mc **1**, 20. 27; **2**, 14; **10**, 21; Lc **5**, 27; **18**, 22; Xn **1**, 43; en Xn, seguir a Xesús equivale a crer nel: Xn **8**, 12; **10**, 4ss.27; seguir a Xesús é asociarse á súa cruz e entrar no Reino de Deus: Mt **8**, 19. 22; **10**, 38; **16**, 24; Mc **8**, 34; Lc **9**, 23. 57. 59; Xn **12**, 26; aínda despois da Pascua fala Xn de "seguir a Xesús": Xn **21**, 19-22; Ap **14**, 4, expresión que equivale nos escritos de Paulo a "ser en Cristo" (cf Gál **3**, 28).

**Servir**: A.T.: Termo empregado para expresar a adoración aos ídolos: Dt **4**, 19; **7**, 4; **8**, 19; **28**, 14. 36-64; **30**, 17; **31**, 20; Xuí **10**, 6; 1Re **10**, 18-26; **21**, 21; **22**, 54; Xer **11**, 10; **13**, 10; **35**, 15; **44**, 3, o mesmo que para expresar a adoración a Iavé: Éx **10**, 26; **23**, 25; Dt **28**, 47; Xos **22**, 27; **24**, 14ss; 1Sam **12**, 20; Is **19**, 21; Xer **30**, 9; con el exprésase o culto a Iavé: Éx **10**, 8. 24; Sal **2**, 11; **100**, 2, de xeito que os levitas están destinados ao culto-servizo a Iavé: Núm **8**, 11; **16**, 9; o culto-servizo a Iavé exprésase tamén no comportamento moral: Dt **10**, 12; Xos **22**, 5. N. T.: As obras feitas por Xesús: Lc **22**, 27; Xn **13**, 1-20 son para os discípulos unha esixencia de servir: Mt **20**, 26; Mc **10**, 43; Lc **22**, 16; 1Pe **4**, 10; este termo caracteriza a actitude fundamental de Xesús na terra: Mt **20**, 28; Mc **10**, 45; Rm **15**, 8 e no último día (Lc **12**, 37). Servir aos demais é servir ao mesmo Xesús: Mt **25**, 40; este mesmo termo significou na Igrexa primitiva a función de servizo á acción de Xesús resucitado (servizo ministerial ou sacrificio ministerial) e á comunidade cristiá: Feit **6**, 14; **12**, 25; **20**, 24; **21**, 19; Rm **11**, 13; **12**, 7; 2Cor **3**, 3-9; **5**, 18; Ef **3**, 7; Col **1**, 23; 1Tim **1**, 12; 1Pe **1**, 12.

**Servo**: A. T.: Sentido de escravo: Xén **12**, 16; **31**, 6; **39**, 17. 19; **41**, 12; **50**, 2; Éx **12**, 44; **20**, 10; **21**, 2; Lev **25**, 6; Dt **23**, 16; Is **24**, 2; o pobo, escravo en Exipto: Dt **5**, 15; **15**, 15; **16**, 12; **24**, 18. 22; Exipto, "casa da escravitude": Éx **13**, 3. 14; **20**, 2; Dt **5**, 6; **6**, 12; **7**, 8; **8**, 14; **13**, 6. 11; Xos **24**, 17; Xuí **6**, 8; Is **34**, 13; os soldados, servos do rei: 1Sam **17**, 8; **25**, 10; 2Sam **2**, 12; o mesmo acontece cos oficiais do exército: 1Sam **29**, 3; 1Re **11**, 26; 2Re **25**, 8; Is **36**, 9, e cos mesmos embaixadores: Núm **22**, 18; 2Sam **10**, 2; tamén se considera servidor o rei vasalo: 2Sam **10**, 19, e a nación tributaria: 2Sam **8**, 2. 6. 14; 1Cro **18**, 2. 6. 13; a expresión "o teu servo" equivale a "eu": Xén **18**, 3; 1Sam **20**, 7. 8; **26**, 18. 19; 2Sam **14**, 22; **24**, 21; iso acontece tamén na oración hebrea: Éx **4**, 10; Núm **11**, 11; Xuí **15**, 18; 1Sam **3**, 9. 10; **25**, 39; Sal **19**, 12. 14; **27**, 9; **31**, 17; **35**, 27; **69**, 18; **109**, 28; **143**, 2; os servidores de Deus son os seus adoradores: os anxos: Xob **4**, 18; os patriarcas: Xén **24**, 14; **26**, 24; Éx **14**, 31; Núm **12**, 7. 8; Dt **34**, 5; Xos **1**, 2. 7. 13. 15; **8**, 31. 33; **9**, 24; **11**, 12. 15; **12**, 6; **13**, 8; **14**, 7; **22**, 2. 4. 5; **24**, 29; 1Sam **3**, 18; **7**, 5. 8. 26; 1Re **8**, 53. 56; servos de Iavé son especialmente os levitas cantores do templo, que bendín ao pobo: Sal **113**, 1; **134**, 1; **135**, 1; tamén o son os profetas: 1Re **14**, 18; **15**, 29; 2Re **9**, 7. 36; **10**, 10; **14**, 18; **17**, 13. 23; **21**, 10; **24**, 2; Is **7**, 25; **20**, 3; **25**, 4; **26**, 5; **29**, 19; **35**, 15; **44**, 4. 26; **50**, 10; Ez **38**, 17; Am **3**, 7; Israel como pobo é como Servo de Iavé: Sal **136**, 22 ; Is **41**, 8. 9; **44**, 1. 2. 21; **45**, 4; **48**, 20; **49**, 3; Xer **30**, 10; **46**, 27. 28; o Servo de Iavé é luz das nacións, profeta, sabio, e mártir expiatorio: Is **42**, 1; **49**, 5. 6. 7; **52**, 13; **53**, 11; o auténtico Servo de Iavé non é outro ca

Xesús de Nazaré: cf Mt **8**, 16-17; **12**, 16-21; Lc **4**, 17; Flp **2**, 5-11.

N. T.: "Servo" ten abondas veces o sentido pexorativo de "escravo": Mt **8**, 6. 8. 13; **14**, 4; **26**, 69; Mc **14**, 66. 69; Lc **7**, 7; **12**, 45; **15**, 26; **16**, 13; **22**, 56; Xn **18**, 17; Feit **10**, 7; **12**, 13; **16**, 16; Gál **4**, 22. 23. 30. 31; 1Pe **2**, 18; pero "servo do rei" era semellante a "embaixador". Nese sentido fálase da servidume a Deus: Rm **6**, 22; 1Tes **1**, 9, e a Cristo: Rm **14**, 18; 1Cor **7**, 22; Gál **1**, 10; Ef **6**, 6ss; Col **3**, 24; servizo en liberdade, coma o do Fillo ao Pai: Xn **8**, 33-36; Rm **6**-**7**; Gál **4**, 1-5; o servo resulta así amigo (Xn **15**, 15) e servidor de Cristo, e mais ministro da súa salvación: Xn **15**, 20; Flp **2**, 7. 22; a mesma actitude debe tela a xerarquía da Igrexa cos irmáns: Mt **20**, 27; Mc **10**, 44; Gál **5**, 13.

**Sombra**: sinónimo de *lugar tenebroso*: Xob **10**, 22; **12**, 22; **34**, 22; Mt **4**, 16; Lc **1**, 79; a sombra de Deus, medio de bendicións: Sal **57**, 2; **63**, 8; **91**, 1; Lc **1**, 35; Feit **5**, 15; a Lei, sombra dos bens definitivos: Col **2**, 17; Heb **8**, 5; **10**, 1.

**Sufrir**: No A. T.: Corrección divina, para que o home se converta: Xén **3**, 16. 17-19; **6**, 1ss; Éx **7**, 14ss; **10**, 29; **12**, 29-34; **15**, 26; Dt **4**, 21-31; **6**, 14-25; 7, 10; **11**, 26-32; **28**, 1-46; **30**, 15-20; o principio nos oráculos de xuízo de castigo individual: Éx **4**, 21-23; 1Sam **2**, 27-36; **13**, 11-14; **15**, 10-31; 2Sam **12**; 1Re **11**, 29-40; **13**, 1-3; **14**, 7-14; **17**, 1; **20**, 35-43; **21**, 17-22; **22**, 13-23; 2Re **1**, 6; **20**, 14-19; **21**, 10-15; Is **7**, 10-16; **22**, 15-25; **37**, 22-30; **38**, 1; **39**, 3-7; Xer **20**, 1-6; **22**, 10-12. 13-19. 24-27; **28**, 12-16; **29**, 24-32; **30**; **36**, 29-30; **37**, 17; Am **7**, 14-17; o mesmo acontece nos oráculos de xuízo colectivo: Is **8**, 5-8; **9**, 7-11. 17-20; **22**, 8-14; **28**, 7-13; **29**, 13-14; **30**, 12-17; Is **3**, 1-11; **7**, 18-25; **17**, 1-11. 12-14; **30**, 8-11; Xer **2**, 26-28; **13**, 25-27; Os **10**, 1-2; Am **1**, 3-**2**, 16; **9**, 8-10, en paralelo cronolóxico co devandito principio teolóxico de procurar a conversión, desenvólvese desde o s. XIII o tema dos sufrimentos do xusto polos que vén a saúde aos membros do pobo de Deus, tipificándose en tres aspectos ou tempos: a) sufrimentos do xusto; b) a xustiza ou perfecta adecuación á vontade de Deus; c) a salvación do pobo. Este principio exemplifícase nestes personaxes:

*O patriarca Xosé*: a) sufrimentos: Xén **37**, 12-26; **39**, 20-23; b) xustiza do sufrinte: Xén **39**, 7-19; c) salvación do pobo: Xén **42**, 1-**45**, 8.

*Rut, a moabita*: a) Rut **1**, 1-15. 19-22; b) **1**, 16-17; c) **4**, 1-22.

*Ana, a nai de Samuel*: a) 1Sam **1**, 1-8; b) **1**, 9-18; c) 1Sam **2**, 1-11; **3**, 1-12; **7**-**10**.

*David, o rei*: a) 1Sam **19**, 8-10; **21**, 11-16; **22**, 1-5; **23**, 9-18; b) 1Sam **19**, 18-24; **24**, 1-23; **26**, 1-25; c) 1Sam **30**, 26-31; 2Sam **2**, 1ss; **5**, 1 ss.

*Xeremías, o profeta*: a) sufrimentos: Xer **36**-**45** e oración: Xer **15**, 10-18; **20**, 7-8. 14-18; b) xustiza ou fidelidade: Xer **1**, 17-19; **15**, 19-21; **18**, 19-23; **20**, 9b. 11-13; c ) oráculos mesiánicos: **23**, 1-8; **29**, 10-14; **31**, 31-34; **33**, 1-26.

*O Servo de Iavé*: (o Déutero-Isaías e mais Xesús): a) Is **49**, 4; **50**, 5-8; **52**, 14; **53**, 2-4. 7-9; b) **42**, 1; **50**, 8-9; **53**, 9b. 12; c) **42**, 2-4. 6-7; **49**, 5-7; **52**, 13-15. Función expiatoria do seu sufrimento: **53**, 5-11.

*Xob*: a) e b) o seu sufrimento, sendo xusto: **1**, 1-**3**, 26; **6**, 1-**7**, 21; **10**, 1-22; **31**, 1-40; c) esperanza de salvación de Xob para si mesmo: **19**, 23-29. Intercesión de Xob: **42**, 8-9.

Salmos de *lamentación e acción de grazas*, tanto individual coma colectiva: a) o sufrimento convertido en ritual nas lamentacións individuais: Sal **7**, 1ss; **22**, 2-3. 7-8. 13-19; **31**, 2-14; **38**, 3-15; **40**, 3ss e colectiva: **66**, 10-12; b) xustiza do orante: **32**, 1-7...; c) salvación proclamada festivamente: **7**, 18; **22**, 23-30; **30**, 2. 12-13; **32**, 11; **40**, 4-6. 17.

Os mesmos principios teolóxicos móstranse nos *oráculos de xuízo de castigo individual*: 1Sam **2**, 27-36; **13**, 11-14.

No A. T.: Que Xesús sufriu e morreu é tema fundamental de todo o N. T.: Lc **22**, 15; Feit **1**, 3; Heb **2**, 18; **5**, 8; **13**, 12; 1Pe **2**, 23; **4**, 1; **5**, 1; estes sufrimentos foron anunciados por Xesús: Mt **16**, 21; **17**, 12; Mc **8**, 31; **9**, 12; Lc **9**, 22; **17**, 25, e pertencían ao plan salvífico de Deus: Lc **24**, 26. 46; Feit **3**, 8; **17**, 3; **26**, 23; 1Pe **1**, 11. Xesús sufriu por nós: 2Cor **1**, 5; 1Pe **2**, 21, por compaixón coas nosas debilidades: Heb **4**, 15, e co seu sufrimento inxusto fixo posible a liberación do pecado: 1Pe **3**, 18. Xesús viviu os seus sufrimentos con este sentido expiatorio do Servo de Iavé: Flp **2**, 8-11; Heb **2**, 9 (Is 53); o cristián está chamado a compartir os sufrimentos de Cristo: Feit **9**, 16; 2Cor **1**, 5; Flp **3**, 10; 1Pe **4**, 1. 13; Ap **2**, 10; deste xeito o sufrimento do home pode ter sentido: Rm **8**, 17; St **5**, 10; o cristián completa o que falta aos padecementos de Cristo: Flp **1**, 29; Col **1**, 24; 2Tim **2**, 3, e é capaz de acompañar aos demais nos seus sufrimentos: 1Tes **2**, 14; 2Tes **1**, 5; 2Tim **3**, 11; Heb **10**, 34; 1Pe **3**, 8; **5**, 9. O cristián que sofre pode alcanzar o consolo espiritual, xa que a gloria escatolóxica está presente no cristián: Rm **8**, 18; 2Cor **1**, 5ss; 1Pe **5**, 10; deste xeito pódese comprender a benaventuranza dos perseguidos: Mt **5**, 10-12; Lc **6**, 22ss; 1Pe **3**, 14.

**Templo**: A. T.: "Lugar elixido por Iavé para pór nel o seu Nome". Este é o seu dinamismo salví-

fico: Dt **12**, 5. 11. 21; **14**, 23. 24; **16**, 2. 11; **26**, 2; ten como antecedente na vida nómade a Tenda do Encontro: Éx **25**, 27; **36**, 38; Feit **7**, 44; Heb **8**, 5; construído por Salomón como casa de Iavé, onde recibe culto: 1Sam **6**, 8; 2Cro **2**, 6; semellante a este é o que Ezequiel percibe en visión profética: Ez **40-43**; foi reconstruído por Zerubabel: Esd **3**, 7-**4**, 5; **4**, 24-**5**, 22; Ax **2**, 3-10; pero nin o templo nin o culto poden traer a salvación ao pobo, senón a fidelidade á alianza coma expresión da fe en Iavé: Is **1**, 11-20; Xer **7**, 1-15; no desterro babilónico Ezequiel chega á conclusión de que o mesmo Iavé é o templo do seu pobo: Ez **1**, 3ss; **10**, 18; **11**, 16.

*Xesús e o templo*. N. T.: Xesús realiza cultos no templo, aínda que condene o formalismo con que se fan: Mt **5**, 23ss; **12**, 2-7; **23**, 16-22; Mc **2**, 24-26; Lc **2**, 22-50; **6**, 2-4; Xesús quere que se respecte o templo: Mt **21**, 12-17; Mc **11**, 11-17; Lc **19**, 45ss; Xn **2**, 13-17; con todo, anuncia a súa destrución: Mt **23**, 38; **24**, 2; **26**, 60ss; **27**, 39ss; Mc **13**, 2; **14**, 29; Lc **13**, 35; **21**, 6; durante a morte de Xesús, a cortina do santuario rachouse en dous e execrouse o Santo dos Santos: Mt **27**, 51; Mc **15**, 38; Lc **23**, 45; os cristiáns descubriron o auténtico santuario na carne de Xesús resucitado; e nese santuario hase celebrar o novo culto: Xn **2**, 19-21; os cristiáns van ao templo de Xerusalén: Feit **2**, 46; **3**, 1-11; **21**, 26, ata que se decatan de que a Igrexa é o auténtico santuario de Deus, fundado en Cristo (1Cor **3**, 16ss; 2Cor **6**, 16-18), ao que teñen entrada xudeus e xentís (Ef **2**, 14-22). Cada cristián é templo de Deus e santuario do Espírito Santo: 1Cor **3**, 17; **6**, 19; 2Cor **6**, 16, pedra viva do santuario, obra de Deus: Feit **7**, 49-51; **17**, 24; cf Is **66**, 1. No santuario celeste arquetipo do terreo, entrou Xesús, e abriunos a porta de acceso onda o Pai: Heb **4**, 14; **6**, 19ss; **9**, 11-14. 24; **10**, 19ss; o santuario celeste consiste no propio Deus e mais no Año: Ap **5**, 6-14; **7**, 15; **21**, 22.

**Verdade**: En *sentido grego* é a realidade descuberta, a correspondencia entre o real e a mente. Nese sentido emprégase nos evanxeos sinópticos, pero sen esquecer o semítico de revelación divina pola que o crente confía en Deus, que se autorrevela en Xesús: Mt **14**, 33; **22**, 16; **26**, 73; **27**, 54; Mc **5**, 33; **12**, 14. 32; **14**, 70; **15**, 39; Lc **16**, 11; **20**, 1; **22**, 59. San Paulo emprega o termo algunhas veces no seu sentido grego: Rm **9**, 1; 2Cor **6**, 8; **7**, 14; **12**, 6; Ef **4**, 25; Flp **1**, 18; 1 Tim **2**, 7; St **3**, 14, e outras no sentido semítico: Rm **2**, 8; **3**, 3-7; **15**, 8; 1Cor **13**, 8; Gál **2**, 14; **5**, 7; Ef **1**, 3; **4**, 21; para Xoán a verdade é Cristo (Xn **1**, 17), a súa persoa (Xn **1**, 9. 14; **14**, 6), o que Xesús di (Xn **8**, 40-47; **16**, 7; **18**, 37) e fai (Xn **5**, 19ss. 36ss; **8**, 19. 26. 28; **12**, 50).

**Vicios**: A. T.: A longa tradición sapiencial de Israel reprende duramente os vicios: a soberbia: Pr **6**, 17; **11**, 2; **13**, 10; **15**, 25; **16**, 18; **25**, 6-7; **29**, 23; a cobiza: Pr **10**, 12; **11**, 4-28; **15**, 27; **23**, 4-5; a luxuria: Pr **5**, 1-14; **6**, 20-**7**, 27; a ira: Pr **15**, 18; **26**, 21; **29**, 22; **30**, 13; a preguiza e nugalla: **6**, 6-11; **10**, 4-5; **24**, 28-34; **26**, 13-16.

N. T.: Imitando os filósofos gregos e os escritores do xudaísmo, fanse catálogos de vicios: Mt **15**, 19; Mc **7**, 21ss; Rm **1**, 19-31; **13**, 13; 1Cor **5**, 10; **6**, 9ss; 2Cor **12**, 20; Gál **5**, 19-21; Ef **4**, 31; **5**, 3-5; Col **3**, 5-8; 1Tim **1**, 9ss; **6**, 4ss; 2Tim **3**, 2-5; Tit **3**, 3; 1Pe **4**, 3; Ap **21**, 8; **22**, 15; os vicios saen do corazón (intencionalidade) do home: Mt **15**, 19; Mc **7**, 21; saen da carne (debilidade e tendencia ao mal) do home: Rm **7**, 5. 18. 25; **8**, 8; **13**, 14; Gál **5**, 16-19; Ef **2**, 3; Col **2**, 18. 23; 1Pe **2**, 11; 2Pe **2**, 10. 18; 1Xn **2**, 16; os vicios levan á morte: Rm **1**, 19-31; **8**, 13; Gál **6**, 8.

**Vida**: A. T.: Iavé é o Deus vivente. Móstrase dinámico na historia do pobo, salvando ou castigando: Dt **5**, 23; Xos **3**, 10; 1Sam **17**, 26; 2Re **9**, 4. 16; Sal **42**, 3; **84**, 3; Xer **10**, 10; **23**, 36; Dn **6**, 21. 27; Os **2**, 1; xuramento invocando a "Vida de Iavé" para provocar a súa intervención salvífica: Núm **14**, 21. 28; Dt **32**, 40; Xuí **8**, 19; Rut **3**, 13; 1Sam **14**, 30. 45; **19**, 6; **20**, 3. 21; **25**, 34; **26**, 20. 16; **28**, 10; **29**, 6; 2Sam **2**, 27; **4**, 9; **12**, 5; **14**, 11; **15**, 21; 1Re **1**, 29; **2**, 24; **17**, 1. 12; **18**, 10. 15; **22**, 14; 2Re **3**, 14; **5**, 16. 20; Xob **27**, 2; Is **46**, 26; **49**, 18; Xer **4**, 2; **5**, 2; **12**, 16; **16**, 14. 15; **22**, 24; **23**, 7. 8; **38**, 16; **46**, 18; Ez **5**, 11; **14**, 10. 18. 20; **16**, 48; **17**, 16. 19; **18**, 3; **20**, 3. 31. 33; **23**, 11. 27; **34**, 8; **35**, 6. 11; Os **4**, 15; Sof **2**, 9; a vida é don de Deus: Xén **4**, 7; **6**, 16; **7**, 15. 22; Dt **32**, 39; 1Sam **2**, 6; 2 Re **5**, 7; diríxense a Deus as súplicas pola propia vida e felicidade: Xob **10**, 12; Sal **30**, 4; **36**, 10; **41**, 3; **66**, 9; **71**, 20; **119**, 25. 37. 40. 88. 93. 107. 149. 154. 156. 159; **143**, 11; no mundo semítico o concepto de vida inclúe o de felicidade: Xén **15**, 19; **45**, 27; Xos **5**, 8; Sal **30**, 4; **33**, 19; **41**, 3; **71**, 20; **143**, 11; así, o termo "vida" aparece en paralelo con "paz-fartura" (en heb "xalom": Mal **2**, 5); unido co termo "luz" na expresión "a luz da vida": Xob **33**, 30; Sal **56**, 14; fálase do camiño da vida: Sal **5**, 6; **15**, 24; **16**, 11; Pr **6**, 23; Xer **21**, 8, dos preceptos de vida (Ez **33**, 15) e da vida do xusto (Ez **18**; **33**, 10-20; Os **6**, 2; Am **5**; Hab **2**, 4). Esta vida feliz é don de Deus: Xob **10**, 12; Sal **42**, 9, depende do fiel cumprimento dos mandamentos e inclúe a posesión da terra, a liberdade persoal (Dt **4**, 1) e a felicidade: Lev **18**, 5; Dt **4**, 1; **5**, 33; **8**, 1; Pr **4**,

4; **7**, 2; **9**, 2; **15**, 27; **21**, 21; Ez **20**, 11. 13. 21. A aclamación "Viva o rei!", do ritual da súa entronización: 1Sam **10**, 24; 2Sam **16**, 16; 1Re **1**, 25. 31. 34. 39; 2Re **11**, 12; 2Cro **23**, 11; Sal **21**, 5; **61**, 7; Pr **16**, 15; Lam **4**, 20; os mesmos termos expresan a resurrección dun morto: 1Re **17**, 22; 2Re 13, 21; Is **26**, 14. 19; Ez **37**, 3. 5. 9. 10. 14; **47**, 9 e o restablecemento despois dunha grave enfermidade: Xén **45**, 27; Núm **21**, 18; Xos **5**, 8; 2Re **1**, 2; **8**, 8-10. 14; **20**, 1.7; Xob **7**, 10; Sal **30**, 4; **33**, 19; **41**, 3; **71**, 20; **143**, 11; Is **38**, 1. 9. 21. N. T.: A vida creada é preciosa aos ollos de Deus: Mt **6**, 25-34; **16**, 16; **26**, 24; Xn **6**, 57; Feit **14**, 15; 1Tes **1**, 9; Heb **10**, 31; Ap **4**, 9; é un don de Deus: Feit **17**, 25; estar lonxe de Deus é estar morto: Lc **15**, 32. 34; vivir é alimentarse da palabra de Deus: Mt **4**, 4; Lc **4**, 4, confiar plenamente nel: Mt **6**, 25; Lc **12**, 22ss; Xesús é o vivente por excelencia, especialmente despois da súa resurrección: Lc **24**, 5; Feit **1**, 3; **3**, 15; **25**, 19; Heb **7**, 25; Ap **1**, 18; a vida eterna é a plenitude de vida e felicidade que por Xesús Deus comunica ao crente: Mt **18**, 8; Mc **9**, 43. 45; para Paulo a vida hai que entendela partindo da vida de Xesús resucitado: Rm **14**, 9; 2Cor **13**, 4; deste xeito a vida feliz do cristián é unha vida "en Cristo": Gál **2**, 20, deixándose levar pola fe nel: Rm **14**, 7; 2Cor **5**, 15 e vivindo sempre para o Señor: Flp **1**, 21; esta vida chega ao seu pleno desenvolvemento coa vitoria sobre a morte: 1Cor **15**, 22. 26; Gál **5**, 25; Col **3**, 3; para Xoán a vida está no Verbo preexistente e creador: Xn **1**, 4; 1Xn **1**, 1. El é a mesma vida: Xn **6**, 35. 57; **11**, 25ss e dános esa vida: Xn **6**, 58; **10**, 28, e entrégaa por amor ao Pai e aos homes: Xn **10**, 15ss; **15**, 13; 1Xn **3**, 18; pero entrégaa para recobrala de novo: Xn **10**, 17 e comunicárnola abundantemente: Xn **4**, 14; **5**, 26; **6**, 35. 47. 51. 57; **10**, 10; 1Xn **5**, 12; para gozar desta vida, o home debe crer: Xn **3**, 15ss; **6**, 40. 47, xa que, se non cre, permanece na morte: 1Xn **3**, 14ss.

**Vocación** (Elección): A.T.: A vocación é a chamada de Deus a unha persoa para unha misión dentro do pobo. Este pobo pertence a Deus, é a súa propiedade especial: Dt **4**, 37; **7**, 6 ss; **10**, 14ss; **14**, 2; 1Re **3**, 6; pola elección, ese pobo, separado da ideoloxía relixiosa dos outros pobos, servirá de modelo e exemplo para eles: 1Cro **16**, 15; Sal **105**, 6. 43; **106**, 5; Is **41**, 1 ss. 8ss; **43**, 8-10. 20; **45**, 4; **65**, 9. 15. 22; Ez **20**, 5. A elección divina constitúe a Israel no pobo de Deus: Dt **30**, 19; Xos **24**, 15-22; Xuí **5**, 8; **10**, 14; a elección esixe a singularidade de Israel, en función da que están as distintas vocacións de xefes do pobo: Xén **12**, 1-9; Éx **2**, 23-**4**, 18; **6**, 2-12; **7**, 1-7; Xos **1**, 1-18; Xuí **6**, 11-24; tamén esixe manterse abertos aos problemas relixiosomorais dos outros pobos: Is **13**, 1-**23**, 18; Xer **46**, 1-**51**, 64; Ez **25**, 1-**32**, 32; Am **1**, 3-**2**, 3; a chamada preséntase de distintos xeitos: en relatos de vocación profética en forma típica: Is **6**, 1-13; Xer **1**, 1-19; Ez **1**, 1-**3**, 15; en relatos atípicos de vocación profética: 1Sam **3**, 1-**4**, 1; 1Re **19**, 1-21; 2Re **2**, 1-18; Os **1**, 1-9; **3**, 1-5; Am **7**, 10-17; en relatos poéticos de vocación profética: Is **40**, 1-11; **42**, 1-7; **49**, 1-9; **61**, 1-6. N.T.: Chamada de Deus para todos os homes ao Reino: Mt **22**, 3-9; Lc **14**, 16-24; Ap **19**, 9; non todos responden entrando nel: Mt **22**, 14; segundo S. Paulo, todos son chamados, xudeus e pagáns: Feit **2**, 39; Rm **8**, 28; **9**, 24; **11**, 24; 1Cor **1**, 24; 1Tes **5**, 24; vocación particular para unha misión ou ministerio concreto: apóstolos: Mt **14**, 21; Mc **1**, 20; **3**, 13; **6**, 7; Lc **9**, 1; vocación de S. Paulo: Feit **13**, 2; **16**, 10; 1Cor **1**, 1; Gál **1**, 6; Flp **3**, 14; cf *Seguir*; o cristián está chamado á unión con Xesús, á liberdade, á esperanza, á paz, á santidade: 1Cor **1**, 9; Gál **5**, 13; Ef **1**, 18; Col **3**, 15; 1Tes **2**, 12; **4**, 7; 1Tim **6**, 12; 1Pe **2**, 9. 21; **5**, 10.

**Xuízo**: O día do xuízo: Mt **10**, 15; **11**, 22. 24; **12**, 36; Mc **6**, 11; 2Pe **2**, 9; **3**, 7; 1Xn **4**, 17; o Señor xulgará a todos: Is **66**, 16; no xuízo resplandecerá a verdade: Dn **7**, 22; Rm **2**, 2; 1Cor **3**, 13; **4**, 5; o xusto xuízo de Cristo e de Deus: Sal **94**, 1-2; **143**, 2; Xn **5**, 30; **8** , 16; 2Tes **1**, 5; o xuízo como condena: Sal **1**, 5; Xn **3**, 19-21; **5**, 24; 1Tim **5**, 24; St **2**, 13; **5**, 12.

**Xustiza**: o que procede, o que é bo: 2Sam **8**, 15; Dt **6**, 25; Mt **3**, 15; **5**, 6. 10. 20; **6**, 1; **21**, 32; Feit **10**, 35; **13**, 10; **17**, 31; Flp **1**, 11; **3**, 9; 2Tim **2**, 22; Tit **2**, 12; **3**, 5; Heb **1**, 9; Ap **19**, 11; **22**, 12; a xustiza de Deus: 1Re **8**, 32; Xob **8**, 3; **34**, 12; Sal **9**, 8; **72**, 2; **96**, 13; **111**, 3; Mt **6**, 33; Rm **1**, 17; **3**, 5. 21ss; **10**, 3; 2Cor **5**, 21; Flp **3**, 9; St **1**, 20; o Señor fará xustiza aos pobres: Dt **10**, 18; Sal **140**, 13; Deus quere xustiza por parte do home: Is **5**, 7; **58**, 2-8; Xer **22**, 3ss. 13. 15; Os **10**, 12; Am **5**, 7; **6**, 12; 1Xn **3**, 7; Ap **22**, 11; a xustiza pola fe: Rm **4**, 11ss; **9**, 30; **10**, 6; Gal **5**, 5; Flp **3**, 9; Heb **11**, 7.

*Francisco Pérez Santalices*


IMPERIO HITITA
MAR
GALACIA
CAPADOCIA
ARMENIA
FRIXIA
EXEO
PANFILIA
CILICIA
MITANI
Río Tigris
RODAS
CRETA
MESOROTAMIA
ASIRIA
ASUR
Río Éufrates
SIRIA
MAR
CHIPRE
MEDITERRÁNEO
SIDÓN
TIRO
Deserto de Siria
CANAÁN
Río Xordán
XERUSALÉN
CALDEA
BABILONIA
LIBIA
ALEXANDRÍA
Mar Morto
Deserto de Sur
HELIÓPOLIS
IDUMEA
UR
EXIPTO
Deserto de Parán
SINAÍ
Deserto da Arabia
ORIENTE ANTIGO
Río Nilo
MAR VERMELLO
0 250 500
km

1736


Cafarnaúm
Naím
Xequem
Efraím
Xerusalén
Belén
Técoa
Hebrón
0
50
km
Ferrol
A Coruña
Ordes
Lugo
Santiago
Padrón
Caldas
Vilagarcía
Pontevedra
Ourense
Vigo
Baiona
Tui
PALESTINA
E GALICIA


POBOS E NACIÓNS DA BIBLIA
ROMANOS
GREGOS
CRETENSES
CHIPRIOTAS
LIDIOS
FRIXIOS
HITITAS
ESCITAS
MEDOS
EXIPCIOS
CUXITAS
ARAMEOS
ASIRIOS
FENICIOS
CANANEOS
FILISTEOS
BABILONIOS
CALDEOS
AMONITAS
MOABITAS
NABATEOS
EDOMITAS
MADIANITAS
DEDANITAS
ELAMITAS
PERSAS
0
500
1000
km

ITINERARIO DE ABRAHAM
UR
HARÁN
XEQUEM
BETEL
HEBRÓN
0
200
400
600
km


MAR MEDITERRÁNEO
Río Xordán
IERICÓ
MOAB
Mar Morto
O Négueb
TANIS
CAMIÑO DO PAÍS DOS FILISTEOS
CAMIÑO DO DESERTO DO SUR
CADEX
Os Lagos Amargos
Mar dos Xuncos
EDOM
Deserto de Parán
CAIRO
CAMIÑO DE ARABIA
MARÁ
Río Nilo
ELIM
MADIÁN
Deserto de Sin
HASEROT
REFIDIM
Sinaí
‹Horeb›
PENÍNSULA DO SINAÍ
ROTA DO ÉXODO
0
100
200
km
MAR VERMELLO


REPARTO
DAS TRIBOS
NO TEMPO
DE XOSUÉ
Naftalí
Dan
Axer
Zebulón
Isacar
MEDITERRÁNEO
Menaxés
Efraím
Gad
MAR
Benxamín
Dan
Rubén
Xudá
Simeón
0
50
100
km


REINO DE DAVID E SALOMÓN (séc. X a. C.)
FENICIA
ARAM
MEDITERRÁNEO
MAR
ISRAEL
AMÓN
XUDÁ
FILISTEA
MOAB
AMALEC
EDOM
0
50
100
km

# PALESTINA NOS TEMPOS DO NOVO TESTAMENTO




| | |
|---|---|
| 1 ..... | Tetrarquía de Filipo (4 a. C. - 34 d. C.) |
| 2 a b ..... | Tetrarquía de Herodes Antipas (4 a. C. - 39 d. C.) e de Agripa II (53-66 e 70-92 d. C.) |
| 3 ..... | Territorio de Arquelao (4 a. C. - 6 d. C.) e dos Procuradores (6-41 e 44-66 d. C.) |
| 1, 2 a b e 3 (+++) .... | Reino de Herodes o Grande (37-4 a. C.) e de Agripa I (41-44 d. C.) |


LUGARES MENCIONADOS NO NOVO TESTAMENTO
SIDÓN
DAMASCO
Sarepta
TIRO
Cesarea de Filipo
Lagoa de Hulé
Coracín
Ptolemaida
Cafarnaúm
Betsaida
Xenesaret
Magdala
Xerxesa?
Caná
Tiberíades
Mar de Galilea ou Lago de Tiberíades
Nazaré
Gadara
Naím
MAR MEDITERRÁNEO
CESAREA
Salín
Ainón
Río Xordán
Sebaste
Xerasa
Sicar
Antípatris
Iafa (Iope)
Arimatea?
Efraím
Iericó
Emaús
(Qumrân)
Betfagué
XERUSALÉN
Azot
Betania
Belén
Gaza
Mar Morto
km 0 25 50

# XERUSALÉN NO NOVO TESTAMENTO




| | | | |
|---|---|---|---|
| Piscina de Bezsazá | 1 | Santo Sepulcro | 10 |
| Porta das Ovellas | 2 | Palacio dos Asmoneos (Herodes Antipas) | 11 |
| Torre Antonia | 3 | Palacio de Herodes | 12 |
| Porta Dourada | 4 | Xardíns Reais | 13 |
| Adro dos Xentís | 5 | Palacio de Caifás | 14 |
| Pórtico de Salomón | 6 | Cenáculo | 15 |
| Adro das mulleres | 7 | Sinagoga dos Libertos | 16 |
| Santuario | 8 | Torre de Siloé | 17 |
| Gólgota-Calvario | 9 | Piscina de Siloé | 18 |

0 100 200 300 m


VIAXES DE SAN PAULO
ITALIA
ILIRICO
DACIA
MESIA
TRACIA
MACEDONIA
BITINIA E PONTO
GALACIA
CAPADOCIA
CILICIA
SIRIA
ASIA
MAR NEGRO
ROMA
Tres Tabernas
Putéoli
CORSEGA
SARDEÑA
Rexio
Siracusa
SICILIA
MALTA
MAR MEDITERRÁNEO
TRIPOLITANIA
ÁFRICA
CIRENAICA
Filipos
Neápolis
Berea
Tesalónica
Tróade
Asos
Mitilene
Éfeso
Mileto
Corinto
Cencreas
ACAIA
ATENAS
CRETA
Fénica
Portos Fermosos
Lasea
RODAS
Pátara
PISIDIA
Antioquía
Atalia
Mira
CHIPRE
Pafos
Salamina
Iconio
Listra
Derbe
Perxe
Antioquía
Sidón
Tiro
Tolemaida
Cesarea
Xerusalén
1.ª VIAXE MISIONAL (45 a 49 d. C.)
Saída
0
250
500
km


VIAXES DE SAN PAULO
ITALIA
DACIA
ILIRICO
CORSEGA
ROMA
Tres Tabernas
Putéoli
SARDEÑA
MESIA
MAR NEGRO
TRACIA
MACEDONIA
Filipos
Neápolis
Berea
Tesalónica
BITINIA E PONTO
Tróade
GALACIA
Asos
Mitilene
ASIA
CAPADOCIA
Rexio
Corinto
Céncreas
ATENAS
Éfeso
Antioquía
PISIDIA
Iconio
CILICIA
SICILIA
Siracusa
ACAIA
Mileto
Listra
Derbe
Atalia
Perxe
Antioquía
MALTA
Pátara
Mira
2.ª VIAXE MISIONAL (50 a 52 d. C.)
CRETA
RODAS
CHIPRE
SIRIA
Fénica
Portos Fermosos
Lasea
Pafos
Salamina
MAR MEDITERRÁNEO
Sidón
Tiro
Tolemaida
Saída
TRIPOLITANIA
Cesarea
CIRENAICA
Xerusalén
ÁFRICA
km 0 250 500

1747

XII


VIAXES DE SAN PAULO
ITALIA
DACIA
ILIRICO
MESIA
MAR NEGRO
CORSEGA
ROMA
Tres Tabernas
Putéoli
SARDEÑA
TRACIA
MACEDONIA
Filipos
Neápolis
Berea
Tesalónica
BITINIA E PONTO
Tróade
Asos
GALACIA
Mitilene
ASIA
Rexio
CAPADOCIA
Corinto
Céncreas
ATENAS
Efeso
Antioquía
PISIDIA
Iconio
SICILIA
Siracusa
ACAIA
Mileto
Listra
CILICIA
Derbe
Atalia
MALTA
Pátara
Mira
Perxe
Antioquía
CRETA
RODAS
CHIPRE
SIRIA
Fénica
Portos Fermosos
Lasea
Pafos
Salamina
MAR
MEDITERRÁNEO
Sidón
Tiro
Tolemaida
Cesarea
TRIPOLITANIA
CIRENAICA
Xerusalén
ÁFRICA
3.ª VIAXE MISIONAL (53 a 58 d. C.).
Saída
km
0
250
500

1748


VIAXES DE SAN PAULO
ITALIA
DACIA
ILIRICO
MESIA
MAR NEGRO
CORSEGA
ROMA
Tres Tabernas
Putéoli
SARDEÑA
MACEDONIA
Filipos
Neápolis
Berea
TRACIA
BITINIA E PONTO
Tesalónica
Tróade
Asos
GALACIA
Mitilene
ASIA
Rexio
Corinto
Céncreas
ATENAS
Éfeso
Antioquía
CAPADOCIA
PISIDIA
Iconio
SICILIA
Siracusa
ACAIA
Mileto
Listra
CILICIA
Derbe
Atalia
Pátara
Perxe
Mira
Antioquía
MALTA
CRETA
RODAS
CHIPRE
SIRIA
Fénica
MAR
Portos Fermosos
Lasea
Pafos
Salamina
MEDITERRÁNEO
Sidón
Tiro
TRIPOLITANIA
Tolemaida
Cesarea
CIRENAICA
Xerusalén
ÁFRICA
VIAXE PRESO A ROMA (60 d. C.)
Saída
km 0 250 500

1749

XIV

# ÍNDICE

Nota á 4.ª edición ..... VII
Nota á 3.ª edición ..... VIII
Nota Prólogo do Arcebispo de Santiago de Compostela á 3.ª edición ..... IX
Nota da Editorial á 2.ª edición ..... XI
Nota da Editorial á 1.ª edición ..... XII
Carta do Arcebispo de Santiago de Compostela ..... XIV
Tradutores dos textos, Revisión lingüística, Coordinación,
Xestión e Secretaría da edición ..... XVI
Introdución á Biblia ..... XVIII
Criterios seguidos na transcrición dos nomes da Biblia ..... XXV
Abreviaturas dos libros bíblicos ..... XXVI

# A BIBLIA

## ANTIGO TESTAMENTO

Introdución ao Antigo Testamento ... 3

PENTATEUCO
Xénese ..... 7
Éxodo ..... 58
Levítico ..... 99
Números ..... 129
Deuteronomio ..... 169

LIBROS HISTÓRICOS
Xosué ..... 216
Xuíces ..... 244
Rut ..... 272
Samuel, 1.º e 2.º ..... 277
Reis, 1.º e 2.º ..... 337
Crónicas, 1.º e 2.º ..... 401
Esdras e Nehemías ..... 459
Tobías ..... 485
Xudit ..... 498
Ester ..... 515
Macabeos, 1.º e 2.º ..... 527

LIBROS POÉTICOS
E SAPIENCIAIS
Xob ..... 574
Salmos ..... 627
Proverbios ..... 776
Eclesiastés ..... 822
Cántico dos cánticos ..... 834
Sabedoría ..... 848
Eclesiástico ..... 873

LIBROS PROFÉTICOS
Isaías ..... 952
Xeremías ..... 1039
Lamentacións ..... 1125
Baruc ..... 1136
Carta de Xeremías ..... 1145
Ezequiel ..... 1149
Daniel ..... 1220
Oseas ..... 1246
Xoel ..... 1263
Amós ..... 1271
Abdías ..... 1283
Xonás ..... 1287
Miqueas ..... 1293
Nahum ..... 1303
Habacuc ..... 1308
Sofonías ..... 1314
Axeo ..... 1320
Zacarías ..... 1323
Malaquías ..... 1341

## NOVO TESTAMENTO


Introdución ao Novo Testamento ..... 1351

EVANXEOS
Introdución aos Evanxeos sinópticos ..... 1358
Evanxeo segundo Mateo ..... 1359
Evanxeo segundo Marcos ..... 1396
Evanxeo segundo Lucas ..... 1420
Evanxeo segundo Xoán ..... 1457

OS FEITOS DOS APÓSTOLOS ..... 1493

CARTAS DE SAN PAULO
Introdución a san Paulo ..... 1531
Carta aos Romanos ..... 1534
1.ª Carta aos Corintios ..... 1554
2.ª Carta aos Corintios ..... 1571
Carta aos Gálatas ..... 1581
Carta aos Efesios ..... 1589
Carta aos Filipenses ..... 1595
Carta aos Colosenses ..... 1600
1.ª Carta aos Tesalonicenses ..... 1607
2.ª Carta aos Tesalonicenses ..... 1611
Introdución ás Cartas Pastorais ..... 1613
1.ª Carta a Timoteo ..... 1615
2ª Carta a Timoteo ..... 1619
Carta a Tito ..... 1622
Carta a Filemón ..... 1624
Carta aos Hebreos ..... 1626

CARTAS CATÓLICAS
Introdución ás Cartas Católicas ..... 1643
Carta de Santiago ..... 1644
1.ª Carta de Pedro ..... 1649
2.ª Carta de Pedro ..... 1657
1.ª Carta de Xoán ..... 1665
2.ª Carta de Xoán ..... 1671
3.ª Carta de Xoán ..... 1672
Carta de Xudas ..... 1673

A APOCALIPSE ..... 1676


## APÉNDICES


Cronoloxía da Biblia ..... 1703
Índice teolóxico conceptual ..... 1708
Mapas ..... 1736
Índice ..... 1753

Esta cuarta edición da BIBLIA en galego
traducida desde as linguas orixinais,
rematouse de imprimir nos talleres de
Obradoiro Gráfico, S. L.,
no día 1 de novembro de 2021,
Ano Santo Compostelano

DEUS SEXA LOADO